

O LIBRO DA VACA

Monografía etnolingüística do gando vacún

Pedro Benavente Jareño
Xesús Ferro Ruibal

XUNTA DE GALICIA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

O LIBRO DA VACA

Monografía etnolingüística do gando vacún

Pedro Benavente Jareño
Xesús Ferro Ruibal

XUNTA DE GALICIA

Santiago de Compostela
2010

Edita Xunta de Galicia
Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Política Lingüística
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Secretario Xeral de Política Lingüística
Anxo M. Lorenzo Suárez
Coordinador científico do CRPIH
Manuel González González
Director técnico de lingüística
Guillermo Rojo Sánchez

Estrada Santiago-Noia, Km.3. A Barcia. 15896 Santiago de Compostela.
Tfno. +34 981 542 684 Fax. +34 981 542 553
Enderezo electrónico paremias@cirp.es
http://www.cirp.es

Colaboran Consellería do Medio Rural. Xunta de Galicia.
Indicación Xeográfica Protexida *Ternera Gallega*.
Autores Pedro Benavente Jareño, Xesús Ferro Ruibal
Título *O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún*
Portada Vaca de raza cachena. Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia. Pazo de Fontefiz (Coles)

ISBN: 978-84-453-4948-9
D.L. C 3200-2010
Imprime: GRAFISANT, S.L.

Ás vacas que nos criaron, que nos calzaron e que nos aprenderon
as vantaxes dunha sociedade matriarcal e tranquila.

A quen nos aprendeu a trata-las vacas
para que sexan fonte de vida e de territorio fértil.

A tódolos gandeiros e tratantes galegos, fieis á natureza, innovadores,
creadores de tecnoloxía, de arquitectura, de paisaxe, de mercado,
mesmo de ciencia veterinaria, e que hoxe se esforzan heroicamente para que Galicia
manteña razas propias e produza o seu propio alimento.

A cantas e cantos ó pé da vaca descubriron a música, o verso e os misterios da vida.

A cantos alindando as vacas crearon esta lingua farturenta que ten en si canto precisa.

A cantas persoas nos transmitiron as informacións que aquí se recollen.

Ás persoas e entidades que nos axudaron a facer esta homenaxe debida.

A vaca [1]

A vaca é o símbolo da paz.

Val máis o que siñifica unha vaca que o que simboliza un león rampante. Xa o dixo un dos nosos economistas: "O albre xenealóxico dunha [2] *vaca de leite é máis útil que o albre xenealóxico dun aristócrata".*

A vaca esqueceuse dos cornos e dános [3] *o seu traballo, o seu leite, a súa carne, o seu coiro e a carne e o coiro dos seus fillos. Non nos* [4] *pode dar máis.*

O can será o amparo dos ricos, que defende a propriedade do amo e ladra aos pobres que van polos [5] *camiños. En troques a vaca é o amparo dos pobres libres.*

Os concursos de vacas leiteiras valen máis que os "concursos de Belleza".

A nosa vaca ten o pesebre en Galiza e os tetos en Madrid. E o que non lle dá de comer a unha vaca non ten dereito a muxila.

As "señoritas" que choran pola morte dun can ridículo non comprenden a door dunha familia labrega cando se lle morre unha vaca. [6]

Se non fose polo [7] *leite das vacas, a piolleira das cibdades morreríase desnutrida. A vaca é a ama de cría* [8] *da Humanidade.*

O día que nós emitamos papel-moeda non estamparemos nel [9] *o retrato dos políticos* [10] *nin dos sabios nin dos artistas; estampariamos, somentes, a figura dunha vaca, como símbolo da nosa economía humanamente distribuída.*

O día que Galiza sexa unha comunidade cooperativa ergueremos un gran moimento cunha [11] *vaca en bronce dourado.*

Tamén hai razas de vacas; e a mellor é a nosa.

O día que seipamos o que val unha vaca, Galiza quedará redimida.

CASTELAO

---

1 CAS1.2.:191 (*Sempre en Galiza* 1,32;135-136). Escrito en 1937.

2 No texto: *d-unha*. Tamén no resto do texto: *d-un aristócrata*, *d-un can ridículo*, *d-unha familia*, *d-unha vaca*.

3 No texto: *danos o*.

4 No texto: *Non-os*.

5 No texto: *pol-os*. Tamén no resto do texto: *pol-a morte*.

6 Ver no apartado 8.1.3. *A morte*, do capítulo 8. *Patoloxía*, unha *Cousa* de Castelao na que baixo o título *Si eu fose autor*, representa esta situación nunha breve peza teatral en dous actos: a morte dunha vaca e a dunha cadela, perdas que provocarán reaccións moi diferentes entre o público, segundo o estatus social ó que pertence.

7 No texto: *pol-o*.

8 No texto: *cria*.

9 No texto: *n-él*.

10 No texto: *, nin*.

11 No texto: *c-unha*.

ÍNDICE

Capítulo 1. INTRODUCIÓN 27
1.1. Milleiros de palabras para falarmos da vaca 29
1.1.1. A vaca 29
1.1.2. O gandeiro 30
1.1.3. Este libro 32
1.2. Un libro globalizador e monográfico 33
1.3. Etnolingüística: homenaxe ós gandeiros e labregos 34
1.3.1. Poñer á vista a concepción tradicional da actividade gandeira 34
1.3.2. Ordenación do material 34
1.4. Vontade de estilo na fala gandeira 36
1.4.1. O interese das variantes e os sinónimos 36
1.4.2. Falar mesturando planos, como fan os artistas 36
1.4.3. Metonimias, metáforas, hipérbole, eufemismo, humor 37
1.4.4. Arcaísmos e denominacións etimolóxicas 38
1.4.5. Curiosidades morfolóxicas 39
1.4.6. Todo isto produce admiración 40
1.5. Riqueza léxica e tecnicismos do gandeiro 40
1.5.1. Abundancia e carencias 41
1.5.2. ¿Por qué hai abundancias e carencias no léxico gandeiro? 41
1.5.3. A loita das denominacións tradicionais por sobreviviren 42
1.5.4. Máis palabras en loita: ¿*boi* ou *touro* ? 42
1.5.5. Etnolingüística, non terminoloxía 43
1.6. Aspectos técnicos deste traballo 43
1.6.1. Límites xeográficos 43
1.6.2. Límites cronolóxicos 44
1.6.3. Límites léxicos 44
1.6.4. Límites literarios 45
1.7. Procedencia da nosa información 46
1.7.1. Lexicografía édita ou inédita e traballo de campo 47
1.7.2. O arquivo do Instituto da Lingua Galega 47
1.7.3. Problemas doutras fontes 48
1.7.4. Problemas de localización xeográfica 49
1.8. Algunhas cuestións lexicográficas ou ortográficas 49
1.8.1. Criterios de lematización: temas e acepcións 49
1.8.2. As cuestións do xénero 50
1.8.2.1 Loita de xéneros 50
1.8.2.1.1. Substantivos en *–axe* 50
1.8.2.1.2. O caso do *ubre* 51
1.8.2.1.3. O caso do *leite* 52

1.8.3. As cuestións do número 53
1.8.4. Ortografía e fonética dialectal 53
1.8.4.1. Cousas do vocalismo 54
1.8.4.2. Cousas do consonantismo 54
1.8.4.3. Cousas de morfoloxía 55
1.8.4.4. Outras actualizacións ortográficas 55
1.9. Unha advertencia verbo das definicións e das explicacións 56
1.10. As nosas localizacións e o seu valor 57
1.11. Abreviaturas usadas na parte léxica do libro 58

Capítulo 2. EXTERIOR 59
2.1. Determinación da idade no gando vacún 61
2.1.1. Cronoloxía da dentición 62
2.1.2. Os dentes de leite 65
2.1.3. Os dentes permanentes 66
2.1.4. Muda-los dentes 66
2.1.5. Denominacións segundo a idade 68
2.1.5.1. O becerro 68
2.1.5.2. A xovenca 75
2.1.5.3. O animal adulto 77
2.1.5.3.1. A vaca 77
2.1.5.3.2. O boi / o touro 78
2.2. Etnoloxía 79
2.2.1. Razas autóctonas galegas 82
2.2.1.1. Raza marela ou rubia galega 84
2.2.1.2. Raza cachena 94
2.2.1.3. Raza vianesa 95
2.2.1.4. Raza caldelá 97
2.2.1.5. Raza frieiresa 98
2.2.1.6. Raza limiá 99
2.2.1.7. Outras razas galegas 100
2.2.2. Razas foráneas 100
2.2.2.1. Raza asturiana 101
2.2.2.2. Raza pasiega 101
2.2.2.3. Raza leonesa 101
2.2.2.4. Raza barroçã 101
2.2.2.5. Raza cartellá 102
2.2.2.6. Raza frisoa 102
2.2.2.7. Raza pardo alpina 103
2.2.3. Razas non identificadas 104
2.2.4. Capas 105
2.2.4.1. Capa marela 106
2.2.4.2. Pinta 107
2.2.4.3. Cinsenta 109
2.2.4.4. Outras capas 110
2.2.4.5. Vacas coa cara branca 115
2.3. Morfoloxía 115
2.3.1. O fociño 116
2.3.2. A boca 117
2.3.3. Os beizos 118
2.3.4. As fosas nasais 120
2.3.5. A queixada 120
2.3.6. O papo 121
2.3.7. Os ollos 121
2.3.8. As orellas 121
2.3.9. A testa 122

2.3.10. Os cornos ... 122
2.3.10.1. O corno exterior ... 123
2.3.10.2. A medula do corno ... 130
2.3.10.3. O soporte óseo do corno ... 131
2.3.10.4. Denominacións do gando segundo a disposición dos cornos ... 131
2.3.10.4.1. Vacas cos cornos cara adiante ... 131
2.3.10.4.2. Vacas cos cornos cara atrás ... 133
2.3.10.4.3. Vacas cos cornos cara arriba ... 134
2.3.10.4.4. Vacas cos cornos cara abaixo ... 135
2.3.10.4.5. Vacas cos cornos grandes e abertos ... 136
2.3.10.4.6. Vacas cos cornos pequenos ... 138
2.3.10.4.7. Vacas cos cornos cara adentro ... 139
2.3.10.4.8. Vacas cun corno nada máis ... 139
2.3.10.4.9. Vacas cos cornos desiguais ... 140
2.3.10.4.10. Vacas sen cornos ... 141
2.3.11. O pescozo ... 142
2.3.11.1. A caluga ... 143
2.3.11.2. A barbela ... 143
2.3.12. A cruz ... 144
2.3.13. O lombo ... 145
2.3.14. Os cadrís ... 146
2.3.14.1 O recadén ... 147
2.3.14.2. A rabadilla ... 148
2.3.15. O peito ... 149
2.3.16. As costas ... 149
2.3.17. Os illares ... 149
2.3.18. A rexión abdominal ... 151
2.3.18.1. A rexión umbilical ... 152
2.3.18.2. O embigo ... 153
2.3.18.3. A bragada ... 153
2.3.19. A virilla ... 154
2.3.20. O ubre ... 154
2.3.20.1. Os tetos ... 157
2.3.20.2. O ubre seco ... 158
2.3.20.3. Os pregos do ubre seco ... 159
2.3.20.4. As veas mamarias ... 160
2.3.21. Os xenitais ... 162
2.3.21.1. Os testículos ... 162
2.3.21.2. O escroto ... 164
2.3.21.3. O pene ... 164
2.3.21.4. A vulva ... 165
2.3.22. O ano ... 165
2.3.23. As mans ... 166
2.3.23.1. A pa ... 166
2.3.23.2. O xeonllo ... 167
2.3.24. As patas ... 167
2.3.24.1. A coxa ... 167
2.3.24.2. A sofraxe ... 168
2.3.24.3. O tendón ... 168
2.3.24.4. As béstas ... 169
2.3.24.5. O metacarpo e o metatarso ... 171
2.3.24.6. Os uñancros ... 171
2.3.24.7. O artello do soltadoiro ... 173
2.3.24.8. O pé e o pezuño ... 174
2.3.24.8.1. O pezuño (o casco) ... 174
2.3.24.8.2. A planta do pé ... 175

2.3.24.8.3. O sabugo 176
2.3.25. O rabo 177
2.4. Nomes propios 179
2.4.1. Denominacións segundo a raza 185
2.4.2. Denominacións pola orixe xeográfica ou outros topónimos 186
2.4.3. Denominacións segundo a cor 188
2.4.4. Denominacións segundo os cornos 191
2.4.5. Denominacións segundo a idade 192
2.4.6. Denominacións por outras características físicas 193
2.4.7. Denominacións por características positivas 193
2.4.8. Denominacións por características negativas 195
2.4.9. Antropónimos 196
2.4.10. Denominacións derivadas do anterior propietario 198
2.4.11. Zoónimos 199
2.4.12. Fitónimos 199
2.4.13. Nomes herdados do pai 200
2.4.14. Denominacións por outras motivacións 200
2.4.15. Denominacións por motivacións descoñecidas 202

Capítulo 3. CARACTERÍSTICAS 207
3.1. Características positivas 209
3.1.1. Gando grande e ben feito 209
3.1.2. Vaca que dá moito leite 212
3.1.3. Vacas que seguen dando leite 214
3.1.4. Gando vello, que traballa ben 216
3.1.5. Gando ancho do terzo posterior 220
3.1.6. Becerros cuóns 220
3.1.7. Gando gordo 222
3.1.8. Gando testudo 224
3.1.9. Gando forte 225
3.1.10. Gando manso 225
3.1.11. Vacas parideiras 226
3.1.12. Gando bo de manter 227
3.1.13. Gando pequeno e gordo 227
3.1.14. Outras características positivas 227
3.2. Características negativas 227
3.2.1. Gando ruín, grande e mal feito 228
3.2.2. Gando vello 231
3.2.3. Gando novo 232
3.2.4. Vacas estreitas do terzo posterior 233
3.2.5. Becerros ruíns 233
3.2.6. Becerros estreitos do terzo posterior 235
3.2.7. Gando nervioso, inquieto 237
3.2.8. Moscar (vacas que moscan) 238
3.2.9. Gando indócil, que non obedece 246
3.2.10. Gando que traballa mal 248
3.2.11. Vacas que non se deixan muxir 249
3.2.12. Embestir, cornear 250
3.2.13. A patada 260
3.2.14. Gando con problemas na marcha 261
3.2.15. Gando que abre as patas ó andar 262
3.2.16. Gando que roza as béstas 264
3.2.17. Gando que cruza as patas 266
3.2.18. Gando cos cascos brandos 266
3.2.19. Gando cos pezuños curtos 266
3.2.20. Gando cos pezuños longos 266

3.2.21. Gando con calo nos xeonllos 268
3.2.22. Gando con defectos nos dentes 268
3.2.23. Gando sen rabo 268
3.2.24. Gando con parálise do rabo 270
3.2.25. Gando cos ombreiros desiguais 270
3.2.26. Gando co lombo afundido 270
3.2.27. Gando cun cadril afundido 270
3.2.28. Gando co ollal afundido 270
3.2.29. Vacas secas dun teto 271
3.2.30. Vacas cos tetos diminutos 271
3.2.31. Gando que dobra a vista 271
3.2.32. Gando sucio 271
3.2.33. Vacas mamonas 272
3.2.34. Gando que come mal 272
3.2.35. Vacas con problemas na reprodución 272
3.2.36. Gando fraco 272
3.2.37. Outras características negativas 275
3.3. Características neutras 276
3.3.1. Gando bravo 276
3.3.2. Vacas non preñadas 277
3.3.3. Denominacións relacionadas coas costelas flotantes 278
3.3.4. Gando coa marmela grande 279
3.3.5. Gando coa marmela pequena 279
3.3.6. Outras características neutras 279

Capítulo 4. FISIOLOXÍA 281
4.1. Comer 283
4.1.1. Ter fame 285
4.1.2. Remoer 285
4.1.3. O bolo alimenticio 287
4.1.4. Gando farto 288
4.2. Beber 290
4.3. Os excrementos 291
4.3.1. Mexar 291
4.3.2. Bostear 292
4.3.3. Bosta no pelo da vaca 296
4.4. Medrar 299
4.5. Bradar/bruar 299
4.5.1. Gando que berra moito 304
4.5.2. O berro 306
4.5.3. Outros ruídos 306
4.6. Movementos 307
4.6.1. Andar, camiñar 307
4.6.2. Move-lo rabo 307
4.6.3. Sacudi-la cabeza 308
4.6.4. Curva-lo espiñazo 308
4.6.5. Outros movementos 308

Capítulo 5. ANATOMÍA 311
5.1. A pel 313
5.2. Aparato dixestivo 314
5.2.1. A boca 314
5.2.2. A lingua 315
5.2.3. A farinxe, a gorxa 315
5.2.4. O esófago 316
5.2.5. Os preestómagos 316

5.2.5.1. A panza 317
5.2.5.1.1. A pedra bezoar 318
5.2.5.2. O barrete 319
5.2.5.3. O libro 319
5.2.6. O estómago ou calleiro 320
5.2.7. A masa intestinal 320
5.2.7.1. O intestino delgado 321
5.2.7.2. O intestino groso 321
5.2.8. Glándulas anexas 322
5.2.8.1. As glándulas salivais 322
5.2.8.2. O fígado 322
5.2.8.3. A vesícula do fel 323
5.2.9. A graxa abdominal 323
5.3. Aparato respiratorio 324
5.3.1. As fosas nasais 324
5.3.2. A larinxe 324
5.3.3. A traquea 324
5.3.4. Os pulmóns 325
5.3.5. O diafragma 326
5.4. Aparato xénito-urinario 326
5.4.1. Os ovarios 326
5.4.2. O útero 327
5.4.3. A placenta 328
5.4.4. A vaxina 328
5.4.5. Os riles 329
5.4.6. A vexiga da urina 329
5.5. Aparato circulatorio 329
5.5.1. O corazón 330
5.5.2. Os vasos sanguíneos 330
5.5.2.1. As veas 330
5.5.2.2. A xugular 330
5.5.3. O sistema linfático 331
5.5.3.1. Os ganglios linfáticos 331
5.5.3.2. O bazo 331
5.5.3.3. O timo 332
5.6. Sistema nervioso 332
5.6.1. O cerebro 333
5.6.2. A medula espiñal 333
5.7. Aparato locomotor 333
5.7.1. Os tendóns 334
5.7.2. Osteoloxía 335
5.7.2.1. Os artellos 335
5.7.2.2. Os ósos 335
5.7.2.3. Os ósos da cabeza 335
5.7.2.4. A columna vertebral 336
5.7.2.5. As vértebras 336
5.7.2.6. A croca 337
5.7.2.7. As costelas 337
5.7.2.8. O costelar 337
5.7.2.9. O esterno 338
5.7.2.10. A escápula (omoplata) 338
5.7.2.11. O carpo, o tarso, o metacarpo e o metatarso 338
5.7.2.12. A pelve 339
5.7.2.13. O fémur, a tibia e o peroné 339
5.7.2.14. A rótula 339
5.7.2.15. Os ósos do pé 339

5.7.3. As cartilaxes 339

Capítulo 6. A VACA NA ALIMENTACIÓN 343
6.1. O matadoiro 343
6.1.1. O gando destinado ó sacrificio 346
6.1.2. O sacrificio 352
6.1.3. O matachín 357
6.1.4. Esfolar 358
6.1.5. A preparación da canal 359
6.1.6. A arca 362
6.1.7. O conxunto das vísceras 362
6.1.8. A raigada 362
6.1.9. Separa-la graxa das tripas 363
6.1.10. A inspección da carne 363
6.1.10.1. Limosidade 363
6.1.10.2. Cheiro 364
6.1.10.3. Vermes 364
6.1.10.4. A inspección veterinaria 365
6.1.11. A conservación da carne 369
6.2. A cortadoría 370
6.2.1. O cortador 372
6.2.1.1. Cortadores e Coresma 373
6.2.2. Accións do cortador 379
6.2.3. Trebellos 380
6.3. As pezas de carne 380
6.3.1. O despezamento 380
6.3.1.1. A cuestión da calidade 382
6.3.1.1.1. Cada peza ten a súa cociña e diso depende a calidade final 383
6.3.1.1.2. En Galicia fanse menos cortes, porque se consome máis tenreira ca animal adulto 383
6.3.1.2. A cuestión das denominacións 384
6.3.1.2.1. A menor idade, menos cortes e menos nomenclatura 384
6.3.1.2.2. A eclipse terminolóxica da xente nova: *Dáme carne pra asar.* 385
6.3.1.3. A estandarización dos cortes 385
6.3.1.4. Equivalencias internacionais das pezas galegas de carne de vacún. 387
6.3.2. A carne en xeral 389
6.3.2.1. A carne 390
6.3.2.2. A carne no argot 392
6.3.2.3. Aponeuroses 392
6.3.2.4. Presentacións da carne 392
6.3.2.5. Os despoxos 393
6.3.3. O solombo 394
6.3.3.1. O cordón 395
6.3.4. O lombo 395
6.3.5. O redondo 396
6.3.6. A croca 397
6.3.6.1. O rabo da croca 397
6.3.7. O corte redondo 398
6.3.8. A folla branda 398
6.3.8.1. O filete do carniceiro 398
6.3.9. A folla dura 399
6.3.9.1. A febra miúda 399
6.3.10. A man de diante 399
6.3.10.1. A man 400
6.3.10.2. O centro da man 400
6.3.10.3. A tapa da paleta 400

6.3.10.4. A tapa da man 401
6.3.11. O redondo da man 401
6.3.12. A agulla 402
6.3.12.1. O sangradouro 403
6.3.13. O xarrete 403
6.3.14. A tes 404
6.3.15. A tapa do peito 404
6.3.16. O peito e costeleiro 405
6.3.16.1. As costelas 406
6.3.17. A faldra e o costeleiro 406
6.3.17.1. A faldra 406
6.3.17.2. A costela mamiña 407
6.3.17.3. A entraña 407
6.3.18. O rabo 407
6.3.19. O espiñazo 408
6.3.20. A medula ósea 408
6.4. Os miúdos e os subprodutos 408
6.4.1. Os miúdos 408
6.4.1.1. Os miúdos brancos 409
6.4.1.2. Os miúdos vermellos 410
6.4.1.3. O sebo 410
6.4.2. Os subprodutos 411
6.4.2.1. O coiro 411
6.5. O leite e os derivados lácteos 412
6.5.1. O leite 412
6.5.1.1. Produción de leite en Galicia 414
6.5.1.2. A cota leiteira e o leite negro 415
Algúns episodios de cando os gandeiros galegos ousaron ser empresarios europeos 415
O leite negro e o horizonte escuro 416
6.5.1.3. Formas de comercialización do leite 417
6.5.2. Leite acedo 424
6.5.3. A tona 424
6.5.4. A manteiga 427
Asa-la manteiga 434
6.5.5. O leite mazado 435
6.5.6. O leite callado 437
6.5.7. A calleira 442
6.5.8. O requeixo 444
6.5.9. O queixo 445
6.5.9.1. Os ollos 446
6.5.9.2. Tipos de queixo 446
6.5.9.3. O soro 463
6.5.9.4. Trebellos 464
6.6. A cociña 467
6.6.1. Pratos de leite 468
6.6.2. A carne como comida 475
6.6.2.1. ¿É mellor a carne de carneiro ou é un froito prohibido a carne de tenreira? 475
6.6.2.2. Produción e consumo de carne en Galicia 476
6.6.2.3. Denominación *Ternera Gallega* 478
6.6.2.4. A carne no prato: léxico, fraseoloxía e tradición oral 481
6.6.3. As vísceras 489
6.6.4. Embutidos e outros derivados cárnicos 492
6.6.5. Gastronomía ritual 493
6.6.5.1. Algunhas posibles raíces grecolatinas 493

6.6.5.2. A festa das sete vacas de Tebra 494
6.6.5.3. Outras festas gastronómicas 499
6.6.7. O comercio dos produtos da vaca 502
6.6.7.1. O leite 502
6.6.7.2. A manteiga 504
6.6.7.3. O queixo 504
6.6.7.4. As tripas 505
6.6.7.5. A chacina 505
6.6.7.6. O curtido e o coiro 505
6.6.7.6.1. O curtido da pel para fabricar coiro 506
6.6.7.6.2. Curtidoiros galegos 506
6.6.7.6.3. Proceso tradicional do curtido 507
6.6.7.6.4. O caso concreto dos curtidoiros composteláns 510
6.6.7.6.5. Crise e última reactivación do curtido tradicional 510
6.6.7.6.6. O curtido da pel para fabricar pergamiño 511
6.6.7.6.7. Unha palabriña verbo dos zapateiros e zoqueiros 512

Capítulo 7. REPRODUCIÓN 515
7.1. Selección e mellora gandeira 517
7.2. O estro ou celo 522
7.2.1. Estar ou saír en celo 523
7.2.2. Remiti-lo celo 525
7.2.3. A vaca en celo 525
7.2.4. Signos do celo 527
7.2.4.1. Bota-lo limo 527
7.2.4.2. Bruar de xeito especial 527
7.2.4.3. Estar inquieta, moverse, montar 528
7.2.4.4. Cesar de dar leite 529
7.2.4.5. Outros signos de celo 529
7.3. A cubrición 529
7.3.1. O boi semental 529
7.3.2. Cubri-lo boi á vaca 533
7.3.3. Suxeita-la vaca 538
7.3.4. A vaca cuberta 538
7.3.5. A inseminación artificial 539
7.3.5.1. A parada 541
7.3.5.2. O paradista 541
7.3.5.3. O potro 541
7.3.6. A vaca inseminada 541
7.4. A xestación 542
7.4.1. A xestación por monta natural 544
7.4.2. A xestación por inseminación 544
7.4.3. Diagnóstico de xestación 545
7.4.3.1. Signos da xestación 545
7.4.4. Completa-lo período da xestación 546
7.4.4.1. Remata-lo tempo 546
7.4.4.2. Deixar de dar leite 547
7.4.4.3. Crece-lo ubre antes do parto 549
7.4.4.4. Botar *cera* 551
7.5. O parto 552
7.5.1. Parir 554
7.5.1.1. Adiantarse 556
7.5.1.2. Retrasarse 556
7.5.2. Signos do parto 556
7.5.2.1. Limos 556
7.5.2.2. Puxos 556

7.5.2.3. Outros signos do parto 557
7.5.3. O parto 557
7.6. O puerperio 557
7.6.1. A vaca acabada de parir 558
7.6.2. A comida que lles dan ás vacas tralo parto 560
7.6.3. As secundinas 563
7.6.4. Expulsa-las secundinas 564
7.6.5. O cordón umbilical 565
7.7. A lactación 566
7.7.1. O costro 566
7.7.2. Dar leite 568
7.7.3. O leite contido no ubre 568
7.7.4. O becerro 569
7.7.5. Mamar 569
7.7.6. Golpea-lo becerro no ubre 571
7.7.7. Priva-lo becerro de mamar 573
7.7.8. A vaca que alimenta nenos expósitos 575

Capítulo 8. PATOLOXÍA 577
8.1. Termos xerais 580
8.1.1. A saúde e a enfermidade 580
8.1.2. A curación 581
8.1.3. A morte 581
8.1.4. As plantas medicinais 586
8.1.5. Epidemias ou andazos 590
8.2. Patoloxía non identificada 591
8.3. Patoloxía infecciosa 595
8.3.1. Brucelose 595
8.3.2. Carbuncho ou nacidas 596
8.3.2.1. Tratamentos 605
8.3.3. Dermatomicose 606
8.3.4. Febre catarral maligna 608
8.3.5. Glosopeda ou febre aftosa 608
8.3.6. Herpes 613
8.3.7. Mamite 613
8.3.7.1. Coágulos no leite 620
8.3.8. Micose 620
8.3.9. Necrobacilose 620
8.3.9.1. Necrobacilose podal 620
8.3.9.2 Necrobacilose nos cornos 625
8.3.10. Pneumonía 625
8.3.11. Onfalite 626
8.3.12. Tuberculose 627
8.3.13. Vexigas 629
8.3.14. Encefalopatía esponxiforme bovina (enfermidade das vacas tolas) 630
8.3.15. Lingua azul 634
8.4. Patoloxía parasitaria 634
8.4.1. Carrachas 634
8.4.2. Distomatose hepática 636
8.4.3. Helmintiase 638
8.4.4. Hipodermose 639
8.4.5. Miase 643
8.4.6. Pediculose 644
8.4.7. Sarna 644
8.5. Patoloxía médica 645
8.5.1. Conxuntivite e cataratas 645

8.5.2. Cólicos de ril 648
8.5.3. Edema mamario 649
8.5.4. Enfermidade do músculo branco 651
8.5.5. Enfermidades nerviosas 652
8.5.6. Epilepsia 652
8.5.7. Estomatite 654
8.5.8. Glosite 660
8.5.9. Hematuria 661
8.5.10. Indixestión 661
8.5.11. Meteorismo 664
8.5.12. Papilomatose 668
8.5.13. Parálise 672
8.5.14. Raquitismo 672
8.5.15. Retículo-pericardite traumática 674
8.5.16. Tumor palpebral 674
8.6. Patoloxía cirúrxica 674
8.6.1. Accidentes 674
8.6.2. Feridas 675
8.6.2.1. Cicatrización 677
8.6.2.2. Feridas no pezuño 678
8.6.2.3. Reazas 680
8.6.2.4. Chagas 681
8.6.3. Hernia 682
8.6.4. Luxación de rótula e salto de corda 682
8.6.5. Necrose do rabo 684
8.6.6. Obstrución esofáxica 685
8.6.7. Sinovite 686
8.6.8. Sobreoso 688
8.6.9. Traumatismos 689
8.6.9.1. Traumatismos nas patas 689
8.6.9.2. Traumatismos no lombo 692
8.6.9.3. Traumatismos na cadeira 692
8.6.9.4. Rotura dun corno 695
8.6.9.5. Rotura do rabo 695
8.6.10. Calosidades 696
8.6.10.1. Calo no pescozo 696
8.6.10.2. Calo nos xeonllos 700
8.7. Patoloxía da reprodución 700
8.7.1. Aborto 700
8.7.2. Anafrodisia 701
8.7.3. Celos silentes 702
8.7.4. Costro sanguinolento 703
8.7.5. Esterilidade e infecundidade 704
8.7.5.1. As *touras* romanas 710
8.7.6. Febre vitularia 711
8.7.7. Hemorraxia cérvico-uterina 712
8.7.8. Hermafroditismo 712
8.7.9. Metrite 713
8.7.10. Ninfomanía 713
8.7.11. Parto distócico 714
8.7.12. Prolapso de matriz 714
8.7.13. Prolapso de vaxina 716
8.7.14. Quistes ováricos 717
8.7.15. Retención de secundinas 717
8.7.16. Vaxinite 718
8.7.17. Outras 719

8.8. Síndromes e outras patoloxías non clasificadas 719
8.8.1. Gando canso 719
8.8.2. Resentirse do exceso de traballo 720
8.8.3. Caquexia 722
8.8.4. Coxeiras 723
8.8.5. Febre 726
8.8.6. Diarrea 726
8.8.7. Inapetencia 728
8.8.8. Dispnea 729
8.8.9. Linfoadenite 730
8.8.10. Tose 732
8.8.11. Esbirros 733
8.8.12. Outras 734
8.9. Accións e trebellos do veterinario e do menciñeiro 734
8.9.1. O veterinario 734
8.9.1.1. Accións do veterinario 736
8.9.1.2. No matadoiro e na cortadoría 736
8.9.1.3. Accións relacionadas coas enfermidades 736
8.9.1.3.1. Medicar 738
8.9.1.3.2. Menciñas 738
8.9.1.4. Accións relacionadas coa reprodución 739
8.9.1.4.1. Inseminar 739
8.9.1.4.2. Diagnóstico de xestación 739
8.9.1.4.3. Accións no parto e puerperio 740
8.9.1.4.4. Extrae-las secundinas 741
8.9.1.4.5. Capar 741
8.9.1.4.6. Outras accións 741
8.9.1.5. Avinzarse 741
8.9.1.6. Trebellos do veterinario 742
8.9.2. O menciñeiro 742
8.9.2.1. Menciñar 746
8.9.2.2. Tratamentos 746
8.9.2.3. Accións do menciñeiro relacionadas coas enfermidades 747
8.9.2.4. Outras accións 748
8.9.2.5. Trebellos do menciñeiro 748
8.10. Os produtos da vaca na terapéutica popular 748

Capítulo 9. O GANDO E O GANDEIRO 755
9.1. Notas verbo do nacemento e evolución da gandería en Galicia 757
9.1.1. Hai mil anos o gando vacún foi o patrón monetario en Galicia 758
9.1.2. O gando vacún nos séculos XVII - XX 758
9.1.4. Importancia económica do gando bovino neste cambio de milenio 760
9.1.5. O gando 762
9.1.6. O rabaño de gando 767
9.1.7. O gando bravío 769
9.1.8. Denominacións despectivas do gando 770
9.1.9. Duración óptima do gando 770
9.1.10. Cantidade óptima de gando 771
9.2. O gandeiro 775
9.2.1. Eloxio da propiedade 776
9.2.2. Labrador que non ten gando 790
9.2.3. Dereito gandeiro 792
9.2.3.1. Impostos, trabucos 793
9.2.3.1.1. Imposto sobre os roxelos e outros froitos do gando 793
9.2.3.2. Seguros de gando 793
9.3. Accións e trebellos do gandeiro 794

9.3.1. Relacionadas co manexo diario 794
9.3.2. Prende-lo gando 795
9.3.2.1. Inmobilizar polas patas 803
9.3.2.2. Suxeita-la vaca polas ventas 808
9.3.2.3. Suxeita-la vaca pola virilla 810
9.3.2.4. Suxeita-la vaca co xugo 810
9.3.3. Ceiba-lo gando 811
9.3.4. Muxir 811
9.3.4.1. A muxidura 816
9.3.4.2. As vasillas para muxir 817
9.3.4.2.1. A canada como medida de capacidade 818
9.3.4.3. A muxidura mecánica 818
9.3.5. Accións do gandeiro relacionadas coa reprodución 819
9.4. O xugo 819
9.4.1. As xunturas 819
9.4.2. Os diferentes tipos de xugo e a súa distribución 820
9.4.2.1. O aparello completo 823
9.4.2.2. O xugo de cangallas 825
9.4.2.3. O xugo de cancís 826
9.4.2.4. O xugo de molida 827
9.4.2.5. Outros tipos de xugo 829
9.4.2.6. O corpo do xugo 830
9.4.2.7. Extremos ou cabezas do xugo 831
9.4.2.8. O cangadoiro 831
9.4.2.9. O apondouro 832
9.4.2.10. Outros elementos 832
9.4.2.11. Os castelares 832
9.4.2.12. As entallas 834
9.4.2.13. O estrobo, loro ou corre 836
9.4.2.13.1. Nota sobre as denominacións do estrobo, as piogas e as cornais 838
9.4.2.13.2. A persoa que fai ou vende estrobos 841
9.4.2.14. O arcoxo 841
9.4.2.14.1. A correa para suxeita-lo arcoxo 842
9.4.2.15. As cangallas 842
9.4.2.15.1. As entallas 843
9.4.2.15.2. A pioga 844
9.4.2.15.3. A retriza 846
9.4.2.16. Os cancís 848
9.4.2.16.1. As caravillas dos cancís 849
9.4.2.16.2. As furas dos cancís 849
9.4.2.17. A molida 849
9.4.2.18. A cuberta 850
9.4.2.18.1. Os flocos da cuberta 852
9.4.2.19. A corneira 853
9.4.3. A xugada 854
9.4.4. Xungui-las vacas 858
9.4.4.1. Poñe-las vacas ó xugo 858
9.4.4.2. Suxeita-lo xugo á cabezalla 860
9.4.4.3. Bota-lo loro a unha das vacas 861
9.4.4.4. Outras accións relacionadas coa xunguidura 861
9.4.5. Segunda xugada 873
9.4.5.1. Para aumenta-lo tiro 874
9.4.5.2. Para frea-lo carro 875
9.4.6. Poñe-la segunda xugada 875
9.4.6.1. Para aumenta-lo tiro 875

9.4.6.2. Para frea-lo carro ... 877
9.4.7. Desxunguir ... 877
9.4.7.1. Desxungui-la segunda xugada ... 880
9.4.8. Chama-lo gando ... 880
9.4.8.1. Chama-lo carro ... 881
9.4.8.2. Voces para chama-lo gando ... 883
9.4.8.3. Voces para para-lo gando ... 893
9.4.8.4. Voces para facer recua-lo gando ... 896
9.4.8.5. Voces para anima-lo gando a beber ... 896
9.4.8.6. Outras voces ... 896
9.4.9. Estimula-lo gando ... 896
9.4.9.1. A aguilloada ... 898
9.4.9.2. A aguillada ... 899
9.4.9.3. O ferrete da aguillada ... 903
9.4.9.4. A xostra ... 904
9.4.10. O carro ... 904
9.4.10.1. A cabezalla ... 921
9.4.10.1.1. O apondouro ... 924
9.4.10.2. A chavella ... 924
9.4.10.2.1. As furas da chavella ... 925
9.4.10.3. A argola ... 926
9.4.10.4. A argola do recadén ... 926
9.4.10.5. O cambón ... 927
9.4.10.6. O ranqueiro ... 929
9.4.11. Turrar do carro ... 930
9.4.11.1. Problemas no carreto ... 932
9.4.11.2. Dar cheda ... 932
9.4.11.3. Outros conceptos ... 933
9.5. O arado ... 933
9.5.1. O temón do arado ... 936
9.6. Arar ... 936
9.7. Recuar ... 955
9.8. Outros trebellos e accións do gandeiro ... 956
9.8.1. O vetillo ... 956
9.8.2. A choca ... 958
9.8.3. As ferraduras ... 960
9.8.3.1. O puxavante ... 961
9.8.4. Descornar ... 962
9.8.5. O corno ... 963
9.8.6. Outros conceptos ... 963
9.9. A corte ... 964
9.9.1. O abeiro ... 964
9.9.2. A estromeira ... 965
9.9.3. A corte como estrutura ... 965
9.9.3.2. Divisións, departamentos ... 971
9.9.3.3. A porta ... 971
9.9.3.4. Os tabiques ... 971
9.9.3.5. As ventás ... 971
9.9.3.6. A prisión do gando ... 972
9.9.3.7. A zudreira ... 972
9.9.4. A cama ... 972
9.9.4.1. Face-la cama ... 974
9.9.4.2. Limpa-la corte ... 975
9.9.4.3. O esterco ... 976
9.9.4.3.1. A pela de esterco ... 978
9.9.4.3.2. Restos de esterco na corte ... 978

9.9.4.3.3. Morea de esterco (para estercar) 979
9.9.4.3.4. Recoller bosta nos camiños 979
9.9.4.3.5. Esterca-las terras..... 979
9.9.4.3.6. Barra-la eira 981
9.9.4.3.7. O trobo e o forno 982
9.9.4.3.8. Mancharse de bosta 982
9.9.4.3.9. O xurro..... 983
9.10. A alimentación do gando 983
9.10.1. O presebe 987
9.10.2. O bebedeiro 989
9.10.3. A barra e o palleiro..... 989
9.10.4. Alimentos en xeral..... 991
9.10.5. O prado 992
9.10.5.1. O cómaro..... 1002
9.10.6. A herba..... 1003
9.10.6.1. A herba que non come o gando 1009
9.10.6.2. A herba seca 1010
9.10.7. A palla (milla, triga, centea) 1013
9.10.8. O penso..... 1014
9.10.9. O farelo, grans etc..... 1015
9.10.10. Os subprodutos..... 1016
9.10.10.1. Os pendóns de millo..... 1016
9.11. O pastoreo..... 1017
9.11.1. O pastor 1018
9.11.2. Pacer..... 1025
9.11.2.1. Pacer mal..... 1028
9.11.3. Bota-las vacas a pacer..... 1029
9.11.4. Estragos do pastoreo..... 1050
9.11.5. Estragos na corte..... 1056
9.11.6. Da-lo gando a outros a alimentar..... 1056
9.11.6.1. O sistema de parcería 1057
9.11.6.2. Os actores do contrato de parcería 1058
9.11.6.3. O gando obxecto da parcería 1059
9.11.7. A veceira 1061
9.11.8. Arreda-lo gando de algo..... 1062
9.11.8.1. O portelo..... 1064
9.11.9. Arrecada-lo gando..... 1065
9.11.10. Xebra-lo gando 1068
9.11.11. Marca-lo gando 1068
9.11.12. Outros conceptos..... 1068
9.12. O lobo 1069

Capítulo 10. O TRATO DO GANDO 1085
10.1. O trato..... 1087
10.2. O tratante..... 1089
10.3. A feira..... 1093
10.3.1. Significación social das feiras 1104
10.3.2. Limitacións eclesiásticas ás feiras 1105
10.3.3. Feiras de sona 1106
10.4. O gando na feira 1112
10.5. A actividade do tratante 1115
10.5.1. Accións do tratante 1115
10.5.2. Picardías e trampas no trato: *estaca, salgueiro, estar na vaca*..... 1120
10.5.3. Algunhas descricións do trato no século XX..... 1127
10.5.3.1. Xavier Prado *Lameiro*..... 1127
10.5.3.2. Manuel García Barros 1136

10.5.3.3. Xosé Vázquez Pintor 1139
10.6. Labregos e feiras 1142
10.7. O pago do gando 1143
10.8. Outros aspectos do trato 1150
10.9. Consellos ó que merca 1152
10.10. Consellos ó que vende 1154
10.11. Negocio e amizade 1156
10.12. Exportación de gando galego 1158
10.12.1. Exportación de gando galego a outras partes de España 1158
10.12.1.1. Filipe II quixo repoboa-lo reino de Granada con gando galego 1158
10.12.1.2. Primeiras exportacións de gando galego a Madrid 1158
10.12.1.3. Así debeu de nace-la denominación de orixe da tenreira galega: *becerras con zapatos de sola* 1159
10.12.2. Exportación de gando galego a Inglaterra e a Portugal 1161
10.12.2.1. *Traballar para o inglés* 1161
10.12.3. Problemas de exportar gando vivo nos comezos do século XX 1162
10.13. A reconversión das feiras, xa necesaria en 1917 1162
10.14. As feiras modernas 1164
10.14.1. A feira de Santiago 1165
10.14.2. A feira electrónica de Silleda 1166
10.15. O roubo de gando 1167

Capítulo 11. ESPECTÁCULOS E RITOS CON BOIS. A TAUROMAQUIA 1171
11.1. A tauromaquia, derivación do oficio do cortador 1174
11.2. Ferocidade bovina: caza e guerra 1176
11.2.1. Caza do uro e caza do touro: unha posible orixe económica 1176
11.2.2. Usos militares do medo que mete o boi 1177
11.3. Espectáculos ou ritos con bovinos no mundo antigo 1177
11.3.1. Caza e comuñón do sangue do boi atlántico 1180
11.3.2. Taurocatapsia tesalia 1180
11.3.3. Taurocatapsia cretense 1180
11.3.4. Loitas de bois nas *Xeórxicas* de Virxilio 1181
11.3.5. Outros xogos antigos cos bois 1182
11.3.6. Sacrificios rituais de bovinos 1182
11.3.6.1. Taurobolium no culto de Mitra e de Attis 1183
11.3.6.2. Sacrificios humanos a Saturno en figura de boi na cultura cartaxinesa 1183
11.4. Algunhas festas relixiosas do boi na península ibérica 1184
11.4.1. Festas do boi fóra de Galicia: o *toro de san Marcos* en Cacabelos, Plasencia e Arnedo nos séculos XVI e XVII 1184
11.4.2. Festas relixiosas do boi en Galicia 1186
11.4.2.1. Século III: ¿un taurobolium mitraico en Bóveda (Lugo)? 1186
11.4.2.2. O boi nas procesións do Corpus simboliza o demo 1187
11.4.2.3. Bois nas liturxias de Santiago e da Franqueira 1190
11.5. ¿Que é correr touros? ¿Cando se empezan a correr? 1191
11.6. Corridas entre os séculos XIV e XVII: Santiago, Allariz, Ourense e A Coruña 1193
11.6.1. A mata de gando bravo nos montes de Compostela no XVI 1193
11.6.2. A Festa do boi de Allariz nos seus inicios 1194
11.6.3. Touros en Galicia no XVI: indicio indirecto 1196
11.6.4. Touros en Ourense no XVI e XVII 1196
11.6.5. Touros en Betanzos 1197
11.6.6. Touros na Coruña no XVII 1197
11.6.7. Algunhas prohibicións eclesiásticas e reais 1197
11.7. Touros nos séculos XVIII e XIX 1199
11.7.1. Ourense 1199
11.7.2. Ribadavia 1199

11.7.3. Lugo 1200
11.7.4. Compostela, a excepción taurina dos Anos Santos 1202
11.7.5. As corridas de Noia e Padrón 1205
11.8. Crítica do P. Sarmiento á cría de touros de lida e ás corridas de touros 1207
11.9. Touros nos séculos XIX e XX 1214
11.9.1. Crítica galega á tauromaquia 1214
11.9.2. ¿Un texto taurófilo en galego? 1218
11.9.3. Humor gráfico galego 1219
11.9.4. ¿O *boi galego* símbolo do home galego? 1219
11.10. As corridas actuais de touros e vacas en Galicia 1221
11.10.1. A chega dos bois na Limia e a pelexa de touros nos Ancares 1221
11.10.2. Allariz 1223
11.10.3. Algunhas becerradas recentes 1225
11.10.4. Corridas ó estilo español 1225
11.10.5. A corrida, signo de contradición 1226
11.10.6. A corrida, signo de españolidade 1227
11.11. Algúns aspectos técnicos da corrida española 1229
11.11.1. O toureiro: un heroe admirado 1229
11.11.2. O público: a fascinación da violencia e do risco 1230
11.11.3. O boi: a corrida vista polo animal 1231
11.11.3.1. Os puntos fracos do boi 1231
11.11.3.2. Cando e como ataca o boi 1232
11.11.3.3. Os problemas de visión no boi 1232
11.11.3.4. ¿Que sente o boi cando entra na praza? 1233
11.11.3.5. Unha morte lenta, dolorosa e humillante 1233
11.11.3.6. A lexislación española 1234
11.12. Galicia, a excepción española 1234
11.12.1. Cativeza do léxico, fraseoloxía e tradición oral taurina galega 1234
11.12.2. Galicia, potencia gandeira, non cría gando de lida 1238
11.12.3. Escaseza de prazas de touros e de corridas en Galicia 1239
11.12.4. Galicia non está fascinada polo boi nin polo toureiro senón pola vaca 1240
11.13. As touradas do mar e outros malos tratos a animais 1240
11.14. *No se puede ser torero en Galicia: hay que irse* (Hilario Taboada) 1243

Capítulo 12. CRENZAS E CALENDARIO GANDEIRO 1245
12.1. Crenzas, crenzas erróneas e supersticións 1247
12.1.1. As crenzas e as supersticións, forma primitiva de entender e controla-la realidade 1247
12.1.2. Tamén hai crenzas e supersticións no mundo urbano actual 1248
12.1.3. Material etnolingüístico das crenzas e supersticións do mundo gandeiro 1248
12.1.4. Crenzas e ritos de cando se merca unha vaca 1254
12.1.5. Crenzas e ritos das enfermidades do gando 1255
12.1.6. Incidencia da morte da xente nos bovinos 1255
12.1.7. Recursos á protección dos santos: san Antón, san Roque, san Bieito, san Breixo, san Xulián, santa Mariña, Santiago 1256
12.1.8. Forzas estrañas 1259
12.1.8.1. O meigallo e o mal de ollo 1259
12.1.8.2. Profilaxe 1263
Ritos con allo, sal, pan, cintas, paxaros, pelos, roupa 1263
Amuletos: bolsiñas, cordas, cruces, cornos 1265
Fogueira e orballo da noite de san Xoán 1267
12.1.8.3. Aire de boi, aire de vaca 1269
12.1.9. Crenzas relacionadas co leite 1270
12.1.9.1.¿É bo ou é malo o costro? 1270
12.1.9.2. O lugar axeitado para muxir ou te-lo leite 1270
12.1.9.3. O leite que se retira por unha mala mirada 1270

12.1.9.4. O leite que se volve sangue por unha mala mirada 1271
12.1.9.5. As cobras que maman nas vacas e mesmo nas mulleres 1272
12.1.9.6. Pantasmas que moxen as vacas e defuntos que as asombran..... 1274
12.1.9.7. Leite e eclipses..... 1275
12.1.9.8. Leite e abrente..... 1275
12.1.9.9. Santo protector do leite de vaca..... 1275
12.1.9.10. Leite e penedos fertilizantes da muller..... 1275
12.1.10. Bois e tesouros encantados..... 1276
12.1.11. Problemas da muller na xestación relacionados co gando bovino 1277
12.1.12. Crenzas no influxo da lúa..... 1277
12.1.13. Algunhas crenzas portuguesas..... 1277
12.2. Prognósticos meteorolóxicos..... 1277
12.3. Calendario gandeiro 1285
12.3.1. Xaneiro..... 1285
12.3.2. Febreiro..... 1288
12.3.3. Marzo 1291
12.3.4. Abril..... 1294
12.3.5. Maio 1295
12.3.6. Xuño..... 1298
12.3.7. Xullo 1299
12.3.8. Agosto..... 1300
12.3.9. Setembro..... 1300
12.3.10. Outubro 1301
12.3.11. Novembro..... 1301
12.3.12. Decembro..... 1301
12.3.12.1. O boi de Belén..... 1302
12.3.13. Primavera..... 1308
12.3.14. Verán..... 1308
12.3.15. Outono 1309
12.3.16. Inverno 1309

Capítulo 13. TODO É COMA UNHA VACA 1311
13.1. A vaca como referencia 1313
13.1.1. A vaca nas artes plásticas galegas..... 1313
13.1.2. A vaca no cine e na literatura..... 1316
13.1.3. A vaca en libros-obxecto, na Rede e como obxecto icónico..... 1316
13.1.4. A vaca, obxecto de investigación filolóxica 1317
13.1.5. A vaca, espello no que os galegos miran a súa vida 1317
Léxico..... 1318
Locucións..... 1325
Fórmulas 1353
Cantigas 1357
Adiviñas..... 1367
Contos..... 1368
Refráns..... 1370
13.2. Os bovinos, como animais sagrados, simbólicos ou mitolóxicos 1393
13.2.1. A vaca, animal sagrado ou mitolóxico..... 1394
13.2.1.1. O tempo das *vacas gordas* e o tempo das *vacas fracas*..... 1395
13.2.1.2. Mulleres transformadas polos deuses en vacas..... 1395
13.2.2. O boi, animal sagrado, simbólico ou mitolóxico 1395
13.2.2.1. Exipto: o Boi Apis e Serapis 1395
13.2.2.2. A Biblia 1396
13.2.2.2.1. O becerro de ouro 1396
13.2.2.2.2. O boi símbolo dun evanxelista..... 1396
13.2.2.3. Grecia..... 1397
13.2.2.3.1. Zeus en figura de boi. Creta 1397

13.2.2.3.2. Heracles – Hércules co boi de Creta e cos bois de Xerión .. 1400
13.2.2.3.3. Deuses que se transforman en bois 1400
13.2.2.3.4. Grecia e Roma: deuses taurocefálicos 1401
13.2.2.4. Persia..... 1401
13.2.2.5. A India 1401
13.2.2.6. A Península Ibérica..... 1401
13.2.3. ¿Toda iconografía taurina implica culto ó boi? 1401
13.2.4. A parella de bovinos como símbolo 1402
13.2.5. Simboloxía dos cornos..... 1402
13.2.6. Bovinos na fundación de cidades: o caso de Tebas, de Ilión e das cidades romanas 1403
13.3. Simbolismos bovinos en Galicia 1404
13.3.1. Os bovinos na iconografía protohistórica galega 1404
13.3.1.1. Lugo. ¿O minotauro de Creta ou a torre de Hércules?..... 1404
13.3.1.2. O relevo de Becerreá..... 1405
13.3.1.3. A machada de Cariño..... 1406
13.3.1.4. Esculturas bovinas romanas de Iria Flavia, Vilardevós, Ábedes, Oímbra e Lourizán..... 1406
13.3.1.5. Simbolismos bovinos que chegaron por medio da cultura cristiá..... 1407
13.3.2. A polémica da vaca astral: Amado Carballo, Risco, Roso de Luna 1407
13.3.3. Os bovinos en lendas galegas de hoxe que teñen raíces antigas 1408
Lenda do boi bruón que é un mouro encantado na lagoa de Carregal (Ribeira) 1408
Lenda do magnate que morre rebentado comendo a vaca dunha pobre que non se lle someteu 1408
Lenda dos bois de ouro de Videferre (Oímbra) 1408
O boi de ouro en Galicia e o boi que polo mar vén busca-los defuntos..... 1408
O boi enterrado de Baroncelle (Abadín) 1409
O boi de ouro da Arca 1409
Os bois e o carro de Fonte Miñá 1409
A becerra de prata de Cameixa (Boborás)..... 1409
13.3.4. Tamén en Galicia se fundan cidades onde unha vaca ou un boi cansaron 1410
13.3.4.1. Compostela 1410
13.3.4.2. A Franqueira 1411
13.3.4.3. Vilafranca do Bierzo 1412
13.3.4.4. Arteirada dos franciscanos de Compostela cunha pel de boi 1414
13.3.5. Bois na orixe doutros lugares de culto: san Vintil, santa Eufemia, san Nicolao de Saamasas e santa María de Soutolongo 1414
13.3.6. Simboloxía da vaca na fraseoloxía e na tradición oral galega 1415
13.3.7. Ritos e sacrificios rituais de vacas 1416
13.3.8. As vacas no entroido..... 1416
13.3.8.1. O xogo das vacas en Barizo (Malpica)..... 1416
13.3.8.2. Vacas no entroido lugués: Os Ancares e Carballedo 1417
13.3.8.3. Vacas no entroido ourensán: Laza e Cualedro 1417
13.3.8.4. Vacas no entroido pontevedrés: Merza, Cotobade, terras de Deza e de Tabeirós..... 1418
13.3.9. Versión galega do conto da leiteira 1419
13.3.10. O boi e vaca, símbolos da Galicia oprimida e redimida..... 1419
13.3.11. O touro de Osborne e a vaca na bandeira galega..... 1423
13.3.12. ¿Pobreza mítica da vaca galega?..... 1424

Capítulo 14. HUMOR GANDEIRO 1427
14.1. Humor gandeiro..... 1430

Capítulo 15. A VACA NA TOPONIMIA GALEGA..... 1441
15.1. Cautelas necesarias para falarmos de toponimia: non sempre é certo o que parece evidente 1444

15.1.1. Buscar unha etimoloxía é viaxar ó punto de partida 1445
15.1.2. A fantasía vale para dar nome a un lugar pero non para explicar un topónimo: *Boimil* e *Boído* 1446
15.1.3. Un topónimo pode ser transparente e discutido: *Boimorto* 1447
15.1.4. A explicación dun topónimo (etimoloxía) esixe encontra-la forma medieval intermedia entre a forma moderna e a forma primitiva. O caso de *Sacardebois* 1449
15.1.5. Unha etimoloxía prerromana debe se-lo recurso para cando a etimoloxía xermánica ou latina están claramente descartadas 1451
15.1.6. A construción de casas e aldeas desmotiva parcialmente os topónimos 1452
15.2. Topónimos que fan referencia ó gando vacún ou que son probablemente gandeiros 1453
15.2.1. *Becerro* e *becerra,* palabras que naceron na Gallaecia 1453
15.2.2. A vaca e mailo boi como denominadores de certos lugares 1454
15.2.3. Partes do corpo dos bovinos como referencia toponímica 1456
15.2.3.1. Os cornos como referencia toponímica 1457
15.2.4. Lugares onde pacen os bois como referencia toponímica 1459
15.2.5. A presenza ocasional ou habitual dos bovinos como denominador toponímico 1462
15.2.6. Sesteiros ou lugares altos nos que os bois descansan ó mediodía 1463
15.2.7. As cortes do gando e outros lugares nos que o gando se recolle 1465
15.2.8. Os rabaños de bovinos como referencia toponímica 1469
15.2.9. As feiras do gando e os matadoiros como referencia toponímica 1469
15.2.10. O traballo do gando como referencia toponímica 1471
15.2.11. Topónimos referentes ó curtido das peles 1471
15.2.12. Topónimos con crenzas ou ritos 1472
15.2.13. Topónimos aparentemente bovinos pero que non sempre o son ou non a todos llelo parecen 1473
15.2.13.1. Outros topónimos discutidos 1477
15.2.14. Algunha outra curiosidade de toponimia gandeira 1479
15.3. Refráns con topónimo 1480
15.4. Cantigas con topónimo 1483
15.5. Contos con topónimo 1487

Capítulo 16. A VACA NA LITERATURA 1489
16.1. A vaca e o boi como realidade substantiva 1491
16.2. A vaca e o boi como metáfora 1549

Capítulo 17. FONTES DESTA MONOGRAFÍA 1569
17.1. O noso sistema de siglas 1572
17.2. Relación de fontes 1574
17.3. Índice de concellos (véxase o CD)
17.4. Índice de informantes (véxase o CD)

Capítulo 1. INTRODUCIÓN

Capítulo 1. INTRODUCIÓN

1.1. Milleiros de palabras para falarmos da vaca

1.1.1. A vaca

A vaca é un elemento esencial da paisaxe, da economía e da cultura de Galicia.

A vaca non é un animal rival, como o son a couza, o rato, a toupa, a denociña, o lobo, o raposo ou a gaivota; non é un animal de mal agoiro, coma o moucho ou o corvo; non é tampouco un animal neutro, coma a maior parte das aves e paxaros, incluído o cuco. Nesa pequena arca de Noé que era tradicionalmente a casa da aldea (JRC3), a vaca é un animal compatible, colaborador e amigo; é dicir, doméstico.

E a vaca tampouco é un animal doméstico calquera, como son o porco ou a galiña: a vaca forma parte dun círculo máis íntimo da familia e por iso ten un nome propio, coma o can, o gato e o cabalo pero tamén coma a xente, coma os cristiáns. E, cando morría enferma, non se tiraba no monte, coma outros animais, senón que se enterraba (véxase 8.1.3.).

Castelao deixou escrito que, se algún día Galicia batía moeda, non ía gravar nela a efixie dun político nin a dun militar, senón a dunha vaca. A intuición conxénita do artista permitiulle repetir, se cadra sen sabelo, o que xa dixeran e fixeran os romanos dos tempos de Rómulo e Remo: a máis antiga moeda romana coñecida non tiña forma redonda, senón forma de lingote e nunha das caras estaba gravada (*aes signatum*) a efixie dun bovino. O gando en latín dise *pecus* e de *pecus* derivou o substantivo *pecunia*, que significa "diñeiro": indicio probable de que en tempos primitivos o gando vacún debeu de se-lo patrón de intercambio comercial. E, como diremos no capítulo 9. *O gando e o gandeiro*, houbo un tempo no que en Galicia a vaca volveu ser patrón de intercambio comercial: foi entre os séculos X-XI, cando se compraban ou vendían herdades e a paga era un boi, unha vaca ou un becerro; e o boi era rigorosamente equivalente a unha moeda de ouro chamada *soldo galego* ou a doce de prata, tamén chamados *soldos arxénteos*. Na Galicia medieval o boi e a vaca foron patrón monetario.

A vaca foi a enerxía (para o transporte no carro ou para arar e grada-las terras), foi alimento (coa súa carne e co seu leite): unha vaca, ademais de cria-lo seu becerro, pode criar unha recovaxe de nenos [12]. A vaca foi calefacción, calzado e nalgún caso roupa. O molime para estra-las cortes e o pastoreo nos montes foi unha maneira de telos limpos; esa mesma estradura, xa convertida en esterco, fertilizou os campos cerrando un proceso de reciclado ecolóxico: tan importante é isto que hoxe recoñécese que, se non houbese o esterco do gando, non habería agricultura. O sebo das vacas permitiu fabricar candeas para iluminarse e mesmo se utilizou como aditivo para darlle adherencia ó cal con que se caleaban as paredes.

[12] JRC7 calculaba en 1934 que unha boa vaca podería, ademais do becerro, criar quince nenos. A cifra parécenos esaxerada para as vacas galegas desa época pero aquel veterinario insigne levaba vinte anos loitando pola mellora da rubia.

Os brañegos contan un conto no que se di que, cousa sabida, do cocho aprovéitase todo despois de matalo pero da vaca aprovéitase todo tamén xa en vida.

E, por se for pouco, nunha agricultura de policultivo de subsistencia a venda dos becerros, do leite, do queixo, da manteiga e tamén do propio animal converteron a vaca na única forma de capitaliza-la familia campesiña: esa entidade que o fisco sempre considerou unha empresa, pero que só contra 1920 accedeu á propiedade plena da terra que cultivaba dende había case un milenio. Nesas datas a vaca foi quen deu o diñeiro para que os gandeiros e labregos galegos redimisen eses foros e se convertesen en propietarios [13].

O boi galego é forza reprodutora e forza de tracción. En Galicia non se cultivou a bravura para facer dela espectáculo cruento. Os bois bravos amansaron milagrosamente e deixáronse xunguir para traer no carro o corpo de Santiago e indicar onde se había fundar Compostela. E outro boi bravo proclamou a inocencia dun bispo de Iria falsamente acusado, como cantaron en verso e pluma Lorenzo Varela e Luís Seoane [14].

O gando, co carro e a terra, é a ferramenta da autonomía económica do galego, como o dixo en verso Curros Enríquez daquel xornaleiro que chegou a *ter de seu terra regantía, carro e gando* [15]. E, pola contra, o peor que lle pode acontecer a un labrego é que o deixen sen capacidade de gañar un anaco de pan, como di Rosalía de Castro cos seus versos *Vendéronlle os bois, vendéronlle as vacas ... vendéronlle o carro i as leiras que tiña...* ata o punto de que xa no século XVII o máximo xuramento dun labrego era facer tal cousa *anque a justicia me leve os bois da corte i as vacas* [16]. Con eles hai vida. Sen eles, miseria.

A migración masiva ás cidades fixo que moitos galegos urbanos de hoxe coñezan a carne, o leite, o queixo, a manteiga e o iogur, sempre en caixiñas de plástico, e que non coñezan a vaca. Pero a nosa vida depende aínda en boa medida destes pacientes animais. Tamén boa parte da nosa economía. É natural, polo tanto, que todo isto se espelle na lingua de Galicia e supoñemos que ningún outro animal doméstico produciu tanto léxico, tanta fraseoloxía e tanta tradición oral coma a vaca.

Falando da significación da vaca para os galegos, presta ler en 16.1. o texto *A Vaca Marabillosa* de Miguel-Anxo Murado, os versos de Manuel María titulados *A vaca, O boi, A xata, O gando* e mesmo os versos que Crecente Vega titulou *A vaca Nova* e nos que conta o que sofre un gandeiro cando manda unha vaca á bros para que a maten. Moitos pensan que as vacas perciben e senten máis do que se imaxinamos: así o expresa Amado Carballo no seu poema *A vaca* que pode lerse en 16.1.

1.1.2. O gandeiro

E o gandeiro non é menos transcendente na economía e na cultura de Galicia. En primeiro lugar porque produce bens consumibles: carne, leite, queixo e coiro para elaborar produtos secundarios. En segundo lugar, porque esta actividade obrígao a limpa-los montes de xeito que co molime e as dexeccións do gando apareza o esterco que fertilizará os campos. Isto quere dicir que o gandeiro é, por forza, un mantedor da paisaxe, que traballa, limpa, planta, sega, leva a auga á maior cantidade posible de terreos; é un mantedor do territorio, que, se el non estiver onde está sería un lugar ermo en progresiva degradación; é o mantedor dunha cultura profesional que sabe tirarlle ó medio natural tódalas posibilidades e defenderse das agresións dese mesmo medio.

Calquera que teña experiencia da terra, aínda que esa experiencia se reduza a catro metros cadrados de xardín, sabe que a terra empobrécese, degrádase e énchese de malas herbas alí onde a man do home non está seguido limpando, aireando, fertilizando e plantando. Quere isto dicir que os devanceiros non só nos deixaron millóns de hectáreas de superficie senón tamén billóns de horas de coidado desa mesma terra.

O traballo do gandeiro galego fertilizou o chan galego durante milenios.

A actividade gandeira é unha das máis antigas actividades económicas de Galicia, como demostra non só a documentación medieval senón mesmo os restos de comida que aparecen nos nosos castros e tamén algunhas esculturas de época romana. Os gandeiros galegos producían boa parte das exportacións galegas dos

[13] Carmona Badía ofrece un dato significativo: só as exportacións de gando vacún a Inglaterra entre 1860 e 1885 forneceron un capital que multiplicaba por 3,5 o capital desembolsado polos tres bancos con domicilio social en Galicia nesa época e esa inxección de diñeiro en metálico favoreceu unhas 15.000 familias (CARMONA2:348-349).

[14] Ver no capítulo 16.1 o poema *O touro* de Lorenzo Varela.

[15] Léase o poema *O Ciprianillo* en 16.2.

[16] De Rosalía é o poema *Pra a Habana* e de Gabriel Feixó de Araúxo *A contenda dos labradores de Castela.* Cómpre tamén le-los versos *A loita pola Patria* do arcebispo Manuel Lago González. Todos están en 16.2.

séculos XVIII e XIX. A benéfica actividade gandeira, coherente coa de boa parte do norte da península ibérica, contribuíu a marcar esa fronteira económica e paisaxística coa metade meridional desta mesma península.

Pero esa actividade tivo as súas crises. Na segunda metade do século XIX outros países abandonaron o modelo de policultivo de subsistencia, que pretende producir todo o que consome, compensando as carencias coa axuda dos veciños en sistema de reciprocidade; e así Dinamarca optou pola especialización gandeira e Gran Bretaña pola especialización industrial, acudindo ós mercados internacionais para satisfacer outras necesidades (AMarL). Galicia, en cambio, non fixo daquela esa reestruturación: seguiu mantendo a vaca animal multifuncional: leite, forza de tracción e carne; pero a reestruturación acaboulle chegando de forma case súbita e traumática na segunda metade do século XX.

O síntoma desa reestruturación é a masiva emigración a Europa e ós núcleos urbanos do occidente galego; os gandeiros vendendo as súas vacas, pechando as cortes, cortando as cepas, pechando as casas, pechando mesmo aldeas enteiras, indo a monte prados e veigas milenariamente abonadas e cultivadas, e os montes, que xa case ninguén limpa, ardendo cada verán sen que as sumas multimillonarias que se invisten en apaga-los lumes consigan preserva-la actividade forestal. Todo indica que se produciu un cambio mal dixerido e, se cadra, non ben xestionado.

A maior parte das cortes están hoxe convertidas ou en garaxes ou en salas de estar, que son as novas lareiras, nas que a pantalla da TV é o lume que agora concentra a atención da familia [17]. O propio carro, vehículo indispensable da actividade agrícola e gandeira durante milenios, foi parar ó lume ou quedan algunhas pezas como elemento decorativo que dificilmente mantén a memoria familiar, como veremos en 9.4.10.

A realidade é que se alterou totalmente o marco económico multisecular: entrou en xogo a competencia do mercado europeo; interviñéronse a nivel europeo os prezos de venda, prescindindo totalmente das condicións reais de produción en Galicia e mesmo impoñendo límites á produción de leite. O gandeiro é un fabricante que non pode repercuti-los gastos de produción no prezo de venda final. En poucos decenios desapareceu aquela economía milenaria de subsistencia e de autoconsumo que tiña nas feiras un mercado regulador que absorbía toda a produción excedente.

Con todo, hai un dato sorprendente: no cambio de milenio en Galicia o número de cabezas de gando non minguou [18] e o de litros de leite aumentou. Isto indica que se produciu unha concentración da produción en poucas explotacións e que houbo gandeiros galegos que exhibiron enerxía e intelixencia para seguiren navegando en medio de sucesivas tormentas económicas: aprenderon a resituarse neste mundo sen fronteiras que garantan a exclusividade dun mercado e no que mesmo aumenta-la produción é un delito que se paga con multa; aprenderon novas técnicas gandeiras, practicaron a mellora xenética do seu gando, adquiriron coñecementos veterinarios, construíron cortes novas, aumentaron a hixiene, mercaron novas terras e maiores cotas de leite e, en consecuencia, tiveron que dotarse de coñecementos contables, correr riscos económicos e integrarse en entidades que crean referencias de calidade e identidade comercial.

Non foi doado nin a sociedade axudou moito. Aínda hoxe hai urbanitas que acusan os gandeiros da proliferación de incendios, esquencendo que os incendios son maioritariamente cousa do verán e da provincia de Ourense, cando as rozas para pasto se facían no inverno e Ourense é a provincia con menor cantidade de gando (véxase 9.1.2.).

E, se comparamos esta enerxía co proletariado urbano, aínda destaca máis. Este, aínda gozando da concentración en núcleos urbanos e dunha máis doada actividade sindical, non sempre dá superado as reconversións que política e mercado lle impuxeron tamén a el nos últimos decenios. Non sempre salta nese sector a chispa empresarial e o horizonte moitas veces é unha prexubilación.

Os gandeiros que quedan en Galicia no cambio de milenio son xa moi diferentes dos de cincuenta anos atrás (véxase 9.1.4.), aínda que seguen cumprindo a función social de fixar xente no campo. No 2005 o gando vacún (carne + leite) representaba o 70% do subsector gandeiro de Galicia e o 46% da nosa produción final agraria [19]. Isto explica que, cando se manifestaban ante o Parlamento Galego o 30.4.2008, unha das pancartas dixese: *Sen gandería non hai país*.

O novo gandeiro galego é unha peza fundamental da economía de Galicia como o foi durante séculos. A participación do seu traballo no PIB de Galicia é relevante. O inmenso esforzo para constituír e consolidar

---

[17] Falando da transformación das cortes en salóns, presta le-los versos de Xavier Lama que titula *O comedor que foi establo* (16.1.).

[18] En 1753 contabilizábase un millón de vacas, máis ou menos a mesma cantidade existente no 2000. Unha importante inflexión produciuse na última guerra civil cando en 1938 o exército de Franco obrigou os galegos a entregaren 400.000 vacas en forma de *doazóns patrióticas* (AMarL: 366).

[19] IGE: *Galicia en cifras. Anuario 2007*; p. 118.

un *Grupo Lácteo Galego* tivo, ten e posiblemente aínda terá as súas voltas. E non menos voltas de disciplina pecuaria esixiu a exitosa introdución no mercado internacional de denominacións de orixe coma *Tenreira Galega* ou de lácteos coma *Queixo da Arzúa* ou *de San Simón* ou *do Cebreiro.*

No inicio do terceiro milenio Galicia consolidou o papel de despensa cárnica e láctea de España sen perder, en xeral, a calidade de *produto natural* que era característica da gandería tradicional. Os excesos ós que chegou a gandería intensiva noratlántica (crise das vacas tolas), indican perigos e deseñan para a gandería galega un camiño esperanzador (AMarL: 378-379).

Non falta quen, nunha cidade desinformada do campo, pense que a vida do labrego-gandeiro galego tradicional que aquí describimos é ou era paradisíaca porque o entorno da natureza semella paradisíaco. Pero esa falacia xa a desmontou hai dous mil anos o poeta venusino Horacio co seu *Beatus ille,* que se pode ler resumido en galego en 16.2. Ben mirada, a vida do labrego-gandeiro galego foi durante séculos un inmenso traballo para nunca saír de pobre, unha valentía desesperada. Se lembramos que Homero definiu o carácter dos seus heroes precisamente como valentía desesperada, case podiamos dicir que no campo galego se viviu (e en certa medida se vive) unha certa épica homérica.

> *Ser vaca nunca foi doado, pero ela, que noite tras noite, escoitaba os veciños de cuarto, xa case prefería a súa condición de ruminante irracional. Os seus veciños, os humanos, mesmo semellaba que naceran para dar pena. Despois de pasalas negras para criar unha manda de fillos, agora o destino destes era a emigración, xa que a terra non daba para manter tantas bocas. Pasaban a vida chorando por mortos e vivos. A Marela, ás veces, sufría máis escoitándoos que pensando na súa propia vida* (XTP:135).

Todo o que é negocio tende á concentración. E por iso, cando parecía que a enorme enerxía, intelixencia e audacia dos gandeiros novos abría posibilidades novas de produción local para un mercado mundial, a realidade é que unha crise de dimensións internacionais sen barreiras comerciais arruinou milleiros de emprendedores que viron destruído o seu proxecto de produción de leite: milleiros de explotacións leiteiras pecharon; e chega con ve-los datos que temos que consignar na epígrafe 6.5.1.2., para entender por que periodicamente os tractores desfilan tristes polas estradas próximas ás cidades, como derradeira chamada de atención a unha sociedade que se urbanizou e que non demostra no supermercado a necesaria solidariedade. Parecía que resistía o sector cárnico. Pero a prensa do 3.5.2010 desvela que tamén neste sector a crise é moi grave porque os gandeiros venden a carne a un prezo similar ó de hai dez anos mentres que os gastos de produción se incrementaron en máis dun 34%. No momento de cerrar este libro todo este inmenso capital humano, económico, cultural e ecolóxico vive unha situación de emerxencia. Dela falaremos en 9.1.2.

1.1.3. Este libro

O gandeiro galego que sobrevive no oficio soubo dar un salto cuantitativo (aumentando as dimensións da explotación) e cualitativo (reordenando todo o sistema de traballo). Por iso é peza fundamental da economía e da cultura inmaterial de Galicia e a el vai dirixido como homenaxe este libro. A nosa maior satisfacción sería que este libro chegase a todos e a cada un deles: ós que son gandeiros e ós que o foron.

Porque estas páxinas pretenden ser unha homenaxe ós labregos e gandeiros galegos de hoxe e de sempre, que están entre os máis entendidos e innovadores de Europa. Homenaxe merecida porque durante séculos souberon seleccionar xeneticamente algunhas razas perfectamente axeitadas ás nosas necesidades (de forza de arrastre, de carne, de leite) e axeitadas tamén ó noso clima e ós recursos e problemas das nosas diversas e mesmo máis abruptas paisaxes. Homenaxe merecida, porque souberon poboar completamente este territorio sen deixaren espazos ermos e inútiles. Merecida, porque tamén souberon crear unha fartura de palabras e de imaxes para falaren con precisión de todo o que precisaron falar do gando, e un tesouro de refráns no que, por veces, condensan unha experiencia profesional milenaria e, por veces, converten o gando en espello da realidade humana.

Este libro pretende reunir toda esa riqueza cos matices dialectais de cada informante e de cada terra galega. Son milleiros de unidades léxicas e fraseolóxicas: se contásemos como unidades as variantes xeográficas ou dialectais, poderiamos falar dunhas 12.000 palabras, unhas 2.000 locucións e 600 fórmulas, 2.700 refráns, 1.100 cantigas populares e unha boa presa de contos e lendas de tradición oral. Os datos exactos son os do seguinte cadro.

Tipo de información		Cantidade	Cantidade total
Unidades léxicas	Substantivos	6.659	
	Substantivos compostos	1.033	
	Adxectivos	2.139	
	Verbos	2.189	
	TOTAL	12.020	12.020
Unidades fraseolóxicas	Colocacións e locucións	1.982	
	Fórmulas	604	
	Refráns	2.757	
	TOTAL	5.343	5.343
Tradición oral	Cantigas populares [20]		1.118
	Contos populares		131
	Lendas tradicionais		11
	Adiviñas		115
	Ensalmos		8

Insistimos en que en tódalas categorías se contabilizan as variantes dialectais.

Todo ese caudal constitúe unha ferramenta de enorme precisión para falarmos do gando vacún e dos seus produtos, derivados e subprodutos. O conxunto que demos arrecadado dá idea do carácter monográfico e globalizador deste libro.

Asemade este libro acaba sendo unha homenaxe á lingua galega, en canto demostra que, se ben se mira, esta nosa lingua ten unha riqueza que produce admiración e que só quen a ignora pode considerala pobre ou insuficiente. Estamos seguros de que os que analicen a fondo calquera outra parcela da realidade van encontrar parecida riqueza. A lingua galega ten previsiblemente tódolos recursos para ser unha lingua viva da sociedade tecnificada e globalizada do século XXI. E demostrado isto para o galego, cremos que sería extensible a calquera lingua: cando as analizamos sen prexuízos urbanos nin académicos, todas acaban revelando que dispoñen de tódolos recursos que os falantes precisan para expresaren a súa experiencia vital toda. Este libro é tamén unha homenaxe a tódalas linguas minorizadas do mundo.

1.2. Un libro globalizador e monográfico

A nosa curiosidade e un curso de galego déronnos hai anos a un veterinario e a un lingüista a oportunidade de nos coñecermos e a ocasión de decidirmos dedicar horas sen límite a recollermos, peneirarmos e organizarmos información referida ó gando vacún procedente de toda Galicia.

Cadrou tamén que Constantino García González, o catedrático asturiano que organizou a filoloxía galega, despois de dirixir en Galicia entre os anos 1970 e 1990 moita investigación de campo seguindo o método *Palabras e Cousas* e despois de conseguir que os arquivos universitarios acumulasen unha inxente cantidade de información comarcalizada, pensou que aquelas monografías locais, en moitos casos inéditas, xa pedían unha nova xeira de traballos globalizadores. E así naceu unha primeira globalización lexicográfica do material máis depurado que os seus alumnos arrecadaran en 45 puntos de Galicia: referímonos ó *Glosario de voces galegas de hoxe* (CGG1), que el dirixiu e que apareceu no ano 1985. Pero cabían outras e, así como empezaron a aparecer en diferentes editoriais e institucións novos *Dicionarios*, el e os seus discípulos ordenaron de facer monografías temáticas. Deste xeito, entre outras, viron a luz no Instituto da Lingua Galega (en diante ILG) varios volumes do *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)* referidos á fonética, morfoloxía e léxico. Por iso lle pareceu ben ó profesor asturiano a nosa pretensión de reunir, aínda que con outra metodoloxía, toda a información referida ó gando vacún e ós seus produtos (leite, carne), derivados (queixo, manteiga etc.) e subprodutos (coiro, esterco etc.). Foi el quen, cando xa pechabámo-la entrada de datos, case nos forzou a darlle outro volume á nosa pescuda dándonos acceso á refundición, feita no ILG, de 218 respostas recollidas por toda Galicia a un cuestionario de 131 preguntas sobre a vaca e quen despois nos convidou a inserir este proxecto entre os do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (en diante CIRP) que el pasou a dirixir.

[20] Dentro do cantigueiro predominan as cuartetas; pero hai algunha tríada e tamén un pequeno grupo de cantigas descritivas con numerosas estrofas encadeadas, como é o caso do romance de Rufina (9.11.3.) ou aquel que empeza *Eu xuncín os meus boiciños* (9.4.4.4.) ou algunha regueifa (6.5.9.2.). Todas estas posibilidades quedan agrupadas dentro do concepto de cantigas populares.

Recollemos información de toda Galicia (293 dos 315 concellos) e tamén da Galicia exterior, como diremos no apartado 1.7. desta introdución.

Esta monografía pretende poñer en valor moitas informacións pequenas, parciais e dispersas, e tamén os datos útiles de diferentes investigacións inéditas. A sistemática indicación á par de cada dato do nome do colector ou colectora fai xustiza a cantos recolleron eses datos e rende homenaxe a ese plural esforzo.

1.3. Etnolingüística: homenaxe ós gandeiros e labregos

O volume da información permite afirmar que toda Galicia está representada neste libro. Pero non é o volume de información o que nos diferencia doutras publicacións globalizadoras inspiradas por Constantino García. A diferencia é que a nosa perspectiva non é exclusivamente lexicográfica (por máis que teña suficiente material); nin é terminolóxica (aínda que aquí encontrarán os terminólogos material abundante para fundamentaren as súas escollas), nin é cartográfica (aínda que poida aparecer algún mapa): a nosa perspectiva é etnolingüística.

Entendemos por tal unha colaboración da lingüística e etnografía para axudar a descubri-la concepción tradicional da actividade gandeira de Galicia. Neste sistema a información estritamente lingüística (incluída a fraseolóxica) compleméntase con información etnográfica (cantigas, adiviñas, contos populares que se transmiten por tradición oral igual que se transmiten accións e ritos de intención terapéutica): é precisamente a combinación e a organización estrutural de todo ese patrimonio inmaterial a que pode poñer á vista os elementos da concepción tradicional da nosa actividade gandeira.

Acabaremos de matizar isto na epígrafe 1.5.5.

1.3.1. Poñer á vista a concepción tradicional da actividade gandeira

Dixemos *poñer á vista os elementos da concepción tradicional* e dicímolo con toda a intención, porque nós non interpretamos: ese é labor que os antropólogos poderán facer cos datos que este libro reúne.

Non é a nosa intención mitifica-la cultura gandeira tradicional e o lector encontrará diversas observacións nas que os datos, crenzas ou terapias populares reciben comentarios que resultan obrigados dende o coñecemento científico, maiormente veterinario, do século XXI. Máis dunha vez as nosas observacións son inevitablemente críticas [21] e a radical reconversión a que se someteron os gandeiros que sobreviven demostra que eles tamén foron críticos. Pero en moitos casos resulta admirable a ciencia tradicional do gandeiro galego, o coñecemento que ten tanto do animal coma dos seus produtos ou do medio natural no que desenvolve a actividade [22]. Non imos máis aló. Queda aberta a arca dos datos para os antropólogos.

Dende o primeiro momento propuxémonos rescata-los coñecementos lingüísticos e fraseolóxicos que manexa mellor ca nós calquera gandeiro ou gandeira de Galicia, e fixémolo para que todos eles, que viven das vacas e dos seus produtos, poidan ver en letras de molde o que eles saben, a súa cultura profesional, a técnica que aprenderon dos seus pais e da propia experiencia. Non traballamos para os lingüistas eruditos (aínda que utilicémo-los seus métodos e aínda que, se cadra, eles baten aquí con máis dun asunto do seu interese). Aspiramos a que o noso traballo volva ó seu medio natural, os gandeiros galegos, ós que este libro pertence e homenaxea.

1.3.2. Ordenación do material

Por esa razón, os datos aparecen aquí sempre na mesma secuencia: tras unha breve introdución técnica ou veterinaria do tema, aparecen definidas palabras, locucións e fórmulas que usan os gandeiros para falaren dese tema; seguen (se os hai e sempre por esta orde) os refráns, as cantigas populares, as adiviñas e finalmente os contos populares nos que esas palabras se usan. Coidamos que a inevitable indicación en cada caso da fonte de información (en forma de sigla) non impide que este sistema se aproxime moito á maneira en que ese coñecementos se asocian na cabeza dos profesionais galegos do gando, combinando o neutro dato lexicográfico coa color e a calor da cantiga, o refrán ou o conto. Compróbese, por exemplo, a divertida lectura que se acaba facendo do árido tema do ubre da vaca cando un conto coloca a palabra *remollo* nunha situación chea de vida e picardía (2.3.20). Mentres a pura filoloxía só introduciría divagacións etimolóxicas,

[21] Uns dos tratamentos para cura-la faixa son as inútiles fregas no lombo coa camisa dunha muller que estea menstruando (véxase 8.3.5.) ou o *corte* das belidas dos ollos cun corte que supoñemos metafórico (véxase 8.5.1.; s.v. *oñato* 7907).

[22] Véxase o que dicimos do tratamento das feridas no pezuño (8.6.2.2.).

estoutro sistema permite ve-lo entorno de humor, de ternura ou de gramática parda con que os gandeiros reciben, viven e transmiten o que para os lingüistas é simple dato filolóxico. Estamos así ás portas da maneira que teñen os gandeiros galegos de entenderen e sentiren a realidade. Estamos na etnolingüística.

Cando as obras da autovía desenterran en Becerreá un relevo romano no que aparece un boi seguido da vaca e o becerro, os datos estannos dicindo que hai que transcende-la pura filoloxía para entende-lo que falamos (*Becerreá*). E cando a tradición multisecular di que os bois teñen que ver nada menos que coa aparición de Compostela, da Franqueira, o culto de san Vintil e de santa Eufemia e que a vaca ten que ver coa fundación de Vilafranca, todo indica que para sabérmo-lo que somos, temos que cruzar datos de varias ciencias. Estamos na etnolingüística.

Galicia é o país dos mil ríos e do millón de vacas. Cando na Galicia urbana do século XXI a vaca é o animal doméstico máis traballado polos nosos escultores ou humoristas gráficos e cando, fronte ó boi de Osborne, a mocidade galega nos estadios de fútbol flamea unha bandeira galega coa efixie da nosa vaca, é que este animal ten algo de totémico para os galegos; e, sendo o noso totem, todo pide que a análise lingüística deste campo semántico sexa interdisciplinar. Estamos na etnolingüística.

O material aparece organizado en capítulos segundo o seguinte esquema temático:

1. INTRODUCIÓN
2. EXTERIOR (determinación da idade, etnoloxía, morfoloxía, nomes propios).
3. CARACTERÍSTICAS (positivas, negativas e neutras)
4. FISIOLOXÍA (comer, beber, excrementos, medrar, bradar / bruar, movementos)
5. ANATOMÍA (a pel; aparatos dixestivo, respiratorio, xénito-urinario e circulatorio; sistema nervioso; aparato locomotor)
6. A VACA NA ALIMENTACIÓN (o matadoiro, a cortadoría, as pezas de carne, miúdos e subprodutos, o leite e os derivados lácteos, a cociña e mailo comercio dos produtos da vaca)
7. REPRODUCIÓN (a selección e mellora gandeira, o estro ou celo, a fecundación ou cubrición, a xestación, o parto, o puerperio, a lactación)
8. PATOLOXÍA (termos xerais, patoloxía non identificada, patoloxía infecciosa, patoloxía parasitaria, patoloxía médica, patoloxía cirúrxica, patoloxía da reprodución, síndromes e outras non clasificadas; accións e trebellos do veterinario e do menciñeiro)
9. O GANDO E O GANDEIRO (breve ollada histórica á gandería galega, o gando, o gandeiro, accións e trebellos do gandeiro, o xugo, o carro, o arado, arar, outros trebellos e accións do gandeiro; a corte, alimentación do gando; o pastoreo; o lobo)
10. O TRATO DO GANDO (o trato, a feira, o tratante, o gando na feira)
11. ESPECTÁCULOS OU RITOS CON BOIS. A TAUROMAQUIA
12. CRENZAS E CALENDARIO GANDEIRO (crenzas e supersticións, prognósticos e calendario)
13. TODO É COMA UNHA VACA (a vaca como referencia)
14. HUMOR GANDEIRO
15. A VACA NA TOPONIMIA GALEGA (cautelas necesarias para falar de toponimia, topónimos que fan referencia ó gando vacún; outros toponimos discutidos)
16. A VACA NA LITERATURA (escolma de textos literarios con referencias ó gando vacún)
17. FONTES DESTA MONOGRAFÍA (sistema de siglas, índice de fontes, de concellos e de informantes)

Permítasenos chama-la atención sobre o feito de que os catro últimos capítulos non tratan directamente da vaca senón que conteñen abundante material léxico, fraseolóxico, toponímico ou literario no que a vaca é un referente metafórico das máis variadas realidades [23]. Espéllase así a potencia iconográfica deste animal totémico dos galegos.

[23] Véxase nesta introdución a epígrafe 1.4.3.

1.4. Vontade de estilo na fala gandeira

1.4.1. O interese das variantes e os sinónimos

Pode alguén pensar que é traballo baldío recoller tódalas variantes e tódolos nomes que a unha mesma realidade lle dan os galegos de diferentes partes de Galicia. E tería a súa parte de razón, porque nunha concepción mecánica da lingua chegaría con que para cada realidade houbese unha palabra, porque os sinónimos parecen un luxo que non engade riqueza expresiva.

Así o parece. Pero as variantes e os sinónimos engaden outro tipo de información: son as boias que no mar indican que aí, por baixo da auga, hai algo importante e moitas veces son eles os derradeiros vestixios de diferencias étnicas antigas e desaparecidas, do mesmo xeito que o xugo de canga, o de cancís e o cornal son as últimas luces que aínda avisan de antigas diferencias étnicas entre os propios galegos.

E non só son útiles os sinónimos: tamén as simples variantes dunha mesma palabra ofrecen luz: por unha voz senlleira coma *bandolfo* ("bandullo do gando") que só detectamos nun lugar de Galicia (Vilacova, Lousame), poden os expertos atopa-lo camiño para explicaren a orixe etimolóxica doutras voces máis coñecidas pero enigmáticas, coma *bandoufa* e *bandouvo*.

Do mesmo xeito, serían enigmáticas palabras como *santafollo ~ tentafollo ~ tantafollo.* Elas designan o terceiro dos preestómagos da vaca, que presenta papilas lonxitudinais e anchas en forma de follas, que atrapan as partículas pequenas da inxesta, e chámase tecnicamente *omaso* pero tamén metaforicamente *libro* porque parece un libro de moitas follas (e dá moito traballo limpalo, por certo, como di o refrán [24]). Endebén, noutros lugares de Galicia chámanlle *libro de cen follas, cenfollas, centifollo, centofollas*; así que non é difícil imaxinar que *santafollo* proceda dunha palabra perdida que era **sesentafollo* e que *tentafollo ~ tantafollo* veñan doutra palabra perdida **setentafollo.* En definitiva, as diferencias de nomes significarían diferencia no número de follas. E aquí vén o interesante: o omaso dun bovino ten entre 96 e 112 láminas ou follas, mentres que na cabra oscila entre 80 e 88, e na ovella, entre 72 e 80: isto quere dicir que o *tentafollo* e o *santafollo* probablemente son unha transposición do nome do omaso das ovellas ó omaso das vacas. Que o gandeiro faga esas transposicións nunca se detectaría se, en estrita economía terminolóxica, buscando unha única denominación para cada realidade, nós prescindísemos de recoller tódalas variantes.

Mentres a terminoloxía busca unha única denominación estándar para cada realidade, a etnolingüística recólleas todas, incluídas variantes e sinónimos, para percibi-lo uso real da lingua e porque unhas e outras axudan a entende-las da mesma familia.

1.4.2. Falar mesturando planos, como fan os artistas

Pero é que unha mirada etnolingüística permite detectar que o gandeiro, cando dá nome ás cousas, moitas veces está facendo algo máis que dar nome: está xogando a mesturar planos da realidade exactamente igual que fan os poetas e os pintores e os músicos e os cineastas. Moitas veces o gandeiro vai máis aló da pura necesidade de lle dar nome ás cousas e xoga coa lingua escollendo para unha cousa un nome que evoca realidades contiguas. Poderíalles chamar *fosas nasais* ás fosas nasais pero, como iso lle parece neutro, vulgar e prosaico, chámalle *ventos*, porque por elas entra e sae o vento da respiración. Poderíalle chamar *esófago* ó esófago pero, como iso lle parece común, plano e insubstancial, chámalle *herbeira* porque por el pasa a herba que pace. Poderíalle chamar *vulva* á vulva da vaca, como fai o veterinario, porque parece denominación máis aséptica xa que lle chamaban así os antigos romanos, pero como iso lle parece insignificante, convencional e anódino chámalle *nación,* porque así queda máis claro que por ela *nace* o becerro [25]. Realmente é unha palabra máis expresiva e que, poñendo o acento no acto positivo de nacer, quítalle a carga de negatividade que collen facilmente as cousas do sexo.

Pero hai xogos máis requintados. Pola mesma razón que as cousas do sexo acaban sendo delicadas, hai gandeiros vellos que evitan dicir que unha vaca *está en celo* e din que *está deshonesta*: quen sexa rachado falando pode sorrir oíndo dicir que unha vaca está deshonesta*,* pero o certo é que quen o dixo estáballe facendo un acto de cortesía, evitando pronunciar unha palabra (*celo*) que lle puidese resultar desagradable.

---

[24] *O pai que a súa filla quixer casar, déalle o cenfollas a lavar*.

[25] E de aí debe de vir unha das maldicións populares dirixidas a persoas **¡Me cago na nación que te dou!*

Outras veces o xogo é máis sutil. Cando un gandeiro ó cerebro da vaca non lle chama *cerebro* senón *as ideas* pode estar practicando o humor lingüístico (finxindo con picardía unha actividade impropia do animal) ou pode estar afirmando (el, que bota moitas horas só coas vacas) a convicción de que as vacas algo algo pensan, que poden realizar algún tipo de pensamento formalizado.

Como se ve, *vulva* e *nación* significan o mesmo, ou mellor, designan a mesma realidade, son sinónimos, pero cada unha delas engade matices e informacións diferentes. E o mesmo podemos dicir de *estar en celo ~ estar deshonesta*, do *cerebro ~ as ideas*, do *esófago ~ a herbeira*, das *fosas nasais ~ os ventos.*

Pois isto, neste libro acontece centos de veces.

Cando o gandeiro fai isto, está evidentemente xogando coa lingua; está dicindo dunha maneira colorida o que podía dicir en branco e negro. Cando unha persoa anónima lle pon nome a unha cousa e o pobo acepta e reproduce no uso ese nome, todos están facendo algo máis ca cubriren unha necesidade de comunicación: do mesmo xeito que, sen sabelo, está facendo neoloxía e terminoloxía (é dicir, ciencia), está moitas veces utilizando tropos e figuras retóricas (é dicir, arte). Gústalle facelo así e tamén lles presta ós que o oen e, porque lles presta, despois repíteno.

Así medra unha lingua. Da mesma maneira que hai moitas castes de mazás e peras e castañas e uvas tamén hai moitas castes de palabras. E na variedade está o gusto dos falantes.

Unha lingua que só tivese unha única palabra para cada realidade, que fose unha simple listaxe terminolóxica, sería moito máis pobre e desaborida.

Por iso imos saborear algunhas cousas máis, para comprendermos qué é o que hai neste libro e por que o fixemos.

1.4.3. Metonimias, metáforas, hipérbole, eufemismo, humor

Un truco da fala, que require certa mestría, é o de denominar unha cousa co nome doutra que ten certo parecido ou que ten con ela algunha relación. É o que os lingüistas chaman *metáforas, metonimias, sinécdoques, hipérboles* etc. A metonimia relaciona cousas contiguas; a sinécdoque relaciona cousas que se inclúen (mentando o todo pola parte e a especie polo xénero –ou viceversa- e o singular polo plural).

Esta intención de falar con estilo vese cando se designa unha enfermidade co nome do órgano ou zona enferma. *Pexadoiro* é a pexa e tamén a articulación do pezuño onde se ata a pexa; *isqueiro* é a carracha e *esgueiro* é o proído ou árdego que produce a picada do isqueiro. Os *lagartos* denominan un músculo e tamén a inflamación do ganglio linfático próximo a ese músculo onda o xeonllo; *rodilleira* é un artello e maila inflamación dese artello; *pescoceira* designa un lugar na caluga e tamén a ferida nese sitio producida polo xugo (este fenómeno tamén se dá con *xugo*, con *xugheira*, con *carroleira* e con *cangadouro*). Inversamente, *faixa*, nome dunha enfermidade, designa en Noal a rexión corporal onde se manifesta algún dos síntomas: o costeleiro. Isto é falar con estilo.

Chamarlle *hedras* ás veas mamarias revela capacidade de observar semellanzas entre cousas distintas: as veas mamarias seméllanlle moito, por certo, ó toro das hedras que se apegan ás pedras (e por iso tamén hai quen lles chama *hedras* ás varices da xente).

Cando unha vaca non dá leite e está preñada, ó muxila bota un líquido pegacento que parece leite costro (e nalgúns lugares chámanlle así ou parecido) pero que non o é e por iso entendemos que ese líquido se denomine *pez*, *resina* e *mosto* que son todos tres cousas pegacentas: téñase en conta que o mosto é o primeiro líquido que dá a uva e que é pegacento pero aínda non é viño, do mesmo xeito que esta cera é pegacenta pero aínda non é leite costro.

Outra comparanza, xa antiga, é chamarlle *piñeira* a unha vaca que ten os cornos cara a riba e ben altos: esta comparanza ten que vir de antes do século XVIII, cando aínda Frai Rosendo Salvado (1814-1900) non trouxera de Australia os eucaliptos e, polo tanto, un piñeiro era aínda o paradigma de altura, por riba da maior parte dos castiñeiros, nogueiras e carballos (lémbrese que a comparación fraseolóxica tradicional é *alto coma un piñeiro*).

Casos semellantes son o de *enghadellarse* para designa-la acción de trucar unha vaca a outra, cando as vacas non teñen guedellas; as mulleres, si. Ou chamarlle *óso rilladeiro* á cartilaxe, que a moita xente lle presta rillar. Ou existe o proceso inverso, denominar *becerro* o libro encadernado con pel de becerro[26].

[26] Véxase tamén o que dicimos na voz *pértega.* Entra tamén neste apartado *bufar 2* ("ferve-lo leite").

Outra forma de describir artisticamente unha realidade é esaxerar algunha característica (como se fai na caricatura) e iso úsase tamén por veces para designar algo. Coidamos que é o caso de *tumbar* para designa-la acción de golpea-lo becerro o ubre para mamar.

O caso, que xa mentamos, da vaca que *está deshonesta* ("en celo"), é unha cortesía que os lingüistas chaman *eufemismo*.

Pero as palabras que o gandeiro escolle revelan que, moitas veces, réinalle sorrir e que os outros sorrían. Esta intención humorística percíbese cando vemos que lle chama *colgador* a unha vaca excesivamente fraca, que é coma quen di que só vale para encolgarlle nos cornos calquera das cousas que se adoita pendurar dunha percha [27]. Idéntica intención humorística hai en denominala *hospital* ou en chamarlle *elétrica* á que non se deixa muxir; ou *buticario,* ó becerro raquítico; ou dicir que *ten cu de home casado* a vaca que é estreita do tercio posterior; ou en chamarlle *bosteiro* a un home mal falado ou *gando da perna rachada* á xente preguiceira, polo calmosas que son as vacas, animais biungulados, é dicir, coa uña fendida, ou como se di neste caso, coa *perna rachada.*

Calquera comprende que está sorrindo ou quere facer sorrir o que lle chama a outro *rabo de vaca,* cando ese outro se desdí polas boas ou cambia de opinión segundo as comenencias, coma o rabo dunha vaca que está sempre bambeando dun lado para o outro. Tamén sorrí ou quere facer sorrir aquel que á febre vitularia, patoloxía que se dá nas vacas de alta produción leiteira, chámalle *enfermedá das vacas do cura* (porque en tempos só eles podían ter ese tipo de vacas) ou *vaca que mira ó veterinario* (porque un dos síntomas é que ten a cabeza revirada cara atrás). Sorrí ou quere facer sorrir o que exclama *¡O veterinario xa vai vello!* cando fracasa a inseminación artificial.

Todo isto é falar con estilo, con intención de falar dicindo algo máis có imprescindible.

Mesmo nas deformacións por etimoloxía popular hai intención, porque cando o home lle pon nome ás cousas quere entendelas, iluminalas, aínda que por veces se meta por camiños cegos. Así, os ganglios linfáticos infartados teñen forma de landra (palabra que vén do latín *glandŭla*) e desa palabra veñen as *landras* e as *landas* e tamén as *olandas*, que son unha creación por etimoloxía popular.

Todo este traspasar características dunhas realidades a outras é unha das ferramentas básicas de toda a creación artística, de xeito que os gandeiros galegos no acto, aparentemente simple, de lles poñeren nomes ás cousas do gando están realizando unha actividade que tamén é artística.

Aínda que non o saiban, traballan co mesmo proceso cós artistas.

Pero hai máis.

1.4.4. Arcaísmos e denominacións etimolóxicas

Oír fala-la xente do campo e do mar é un espectáculo que marabilla a quen sabe observar con atención e sen prexuízos. Porque outras veces o mérito está en que usan (no noso caso, os gandeiros) palabras que veñen de moi antigo e que só se manteñen vivas na boca deles. Poñamos algúns casos.

Os antigos romanos ós banzos das escadas chamábanlles *gradus.* E aínda nós falamos ascender por graos e gradualmente. Ben, pois se entramos nunha corte tradicional, en moitos casos veremos que hai un estante que ten forma de escada de man, que se colga horizontalmente na parede da corte e formando ángulo coa parede: nese ángulo métese a herba e o gando vaina collendo por entre os banzos da escada. Os gandeiros chámanlle *grada*, *grade* ou *gradicela*. O curioso desta palabra *gradicela* é que ten estrutura de palabra puramente latina (**gradicella,* da raíz *crates* "grade, cuadrícula" co sufixo diminutivo *–cella*) e o senso máis esperable non se constata no latín antigo pero si no latín escrito en Galicia no século XIII [28]: pero o máis curioso é que se usaba para referirse ás gradas do altar e hoxe a gradicela mantense viva nas cortes do gando con outra función [29]: isto fai aínda máis preciosa esta palabra.

---

[27] Cousa parecida é chamarlle *xavou* a un carro tirado por unha única vaca, polo tanto máis pequeno, máis doado de cargar e de manobrar: este nome é da ría de Pontevedra e en Marín tamén designaba un bote pequeno que os nenos fabricaban para xogaren dous deles, segundo recolleu Rivas Quintas onda a foz do río Lameiriña.

[28] Co significado de "escada" (diante do altar ou das portas dunha igrexa) documéntase nos textos latinos de Galicia no século XIII, segundo nos informa o CODOLGA do CIRP: *inde annuatim XXIII candelas in festo Sancti Iohannis, XII in gradizelis, V super altare, duas in cerealibus, duas ante Sanctam Eufemiam* (doc. da Catedral de Ourense de 1208; edición de E. Duro Peña) e *in tergis et in membris peregrinorum loco prime? sed in gradecellis portarum et portis altaris bti. Jacobi, nec alibi non debent* (doc. da Catedral de Santiago de 1240-1270, editado por López Ferreiro na *Historia de la Santa Iglesia de Santiago de Compostela*). En italiano tamén existe a palabra *gradicella* e, aínda que ten o significado de "rapaza que xa ten a menstruación", vese aí tamén a idea dunha gradación (no desenvolvemento corporal).

[29] A dici-la verdade tamén é a balaustrada, a reixa (dos sumidoiros, por exemplo), a estrelamar ou tallanta e algunha cousa máis.

Loro é a correa de coiro [30] que suxeita o xugo á cabezalla do carro ou do arado. Ben, pois iso mesmo era o que significaba o latín *lorum* ("correa, tira de coiro"); e desa palabra derivaba *lorica* que era a loriga, unha verdadeira coiraza, é dicir, "de coiro", xa que, se esa protección era metálica, chamábase *thorax.*

No leste de Lugo está viva a palabra *propinca* co significado de vaca próxima a parir; temos tamén a forma patrimonial *propinga* e dise que *están propingos* os noivos ós que lles falta moi pouco para casaren: esta palabra vén do latín *propinqua* "próxima (no espazo ou no sangue, é dicir parente)": só se conservou a palabra para falar do gando e dos noivos.

O caso da vaca *fragha* ("vaca cun cadril afundido a consecuencia dun golpe") aproxima esta palabra, de etimoloxía discutida, ó adxectivo latino *fragilis* e mais ó verbo *frangere* ("romper, escachar").

Inferir é palabra que un gandeiro de Samos dirá con toda naturalidade querendo significar "embesti-la vaca contra alguén"; pero unha persoa que lese algo de latín lembrará que Xulio César usaba o verbo *inferre* co significado de "atacar".

En latín había tamén a palabra *bulla* (pronunciado *bul-la*, que era a globa que se forma na auga cando chove) e *bullare* ("facer globas a auga"); por derivación, *bulla* era tamén a cabeza do cravo e a borla ou freque que colga dos arreos de gala dos cabalos e mesmo o documento papal do que pendura como contrasinal unha bóla de bronce colgada dunha cinta que precinta a parte do documento no que están as sinaturas. Ben, pois aínda que esta palabra en galego evoluíu a *bóla,* conservan os gandeiros a palabra *bula* en Oirán e o seu derivado *buleira* para denominaren a "bóla de bosta pegada ó pelo das vacas" e teñen tamén *bular* "defeca-lo gando": nas dúas palabras conservan a vogal *u* do latín. Non hai degradación da palabra latina senón elevación da palabra galega.

Neste punto unha persoa entendida non para de sorprenderse ante palabras tan curiosas coma *machicar* ou *machar* "masticar", que conservan a evolución patrimonial galega do *masticare* latino; ou con *carbuncho* (Troán1) que parece anterior ós semicultismos *carbunco ~ carabunco* e ó cultismo *carbunclo*; ou con (boi) *virado* ("capado") probable evolución do latín *eviratus* (que precisamente significa "capado"); e con *rumiar*, que hoxe moitos evitan por parecer igual ó castelán e por existi-lo sinónimo *remoer*, pero que é palabra puramente galega e mesmo pode ser un galeguismo no castelán, tanto que veña do latín *ruminare* ou tamén do latín *rumigare*. *Estar caente* (Com4) por *quente* é outra palabra curiosa, porque xa perdeu o ele intervocálico, como é normal no galego, pero aínda non realizou a contracción das vogais en contacto.

Tamén é curioso o caso da palabra *almohadilla*, que parece castelá e que compite en uso coa tamén moi estendida e posiblemente tradicional *moleta – muleta* para designa-la inflamación da sinovial da bésta. Temos dúbida de que esta palabra teña que ver co nome árabe do cabezal en que apoiámo-la cabeza para durmir, porque no Carballiño chámanlle *almonada* e ese ene intervocálico arrédanos da etimoloxía árabe e lémbranos que no latín medieval existía a palabra *almonaria* que significaba precisamente *bolsa* e que deriva de *elemosynaria* (quizais bolsa do diñeiro das esmolas) e esa inflamación da sinovial forma tamén unha especie de bolsa.

1.4.5 Curiosidades morfolóxicas

Hai tamén algunhas curiosidades morfolóxicas, como conserva-lo valor morfolóxico masculino en *cono*, normalmente feminino en galego, e que deriva do masculino latino *cunnus.* Ou como ter pares de palabras que distinguen conxunto e elementos; así *bosteira* (unidade) fronte a *bosteiras* (bólas de bosta pegadas ó pelo da vaca); e tamén *costra ~ costras* ou *carraña ~ carroñas.*

Recollemos tamén *vaca coxa redonda* (Figuei.), que nos recorda que unha das formas de superlativo analítico en galego é pospoñerlle o adxectivo *redondo* ó adxectivo que queremos superlativizar.

O latín, ó revés do grego e do xermánico, conxelou a súa capacidade de formar palabras compostas e por iso as linguas romances, ó revés das xermánicas, teñen poucas palabras compostas: pero por esa precisa razón chaman máis a atención algunhas palabras compostas que encontramos vivas no uso oral dos gandeiros: *cornigacha*, *semimona* (e a var. *simemona*), *escornacabras, escornabois, vacaloura, corremontes, deitafontes, secafontes* ou os xa mentados *tentafollos, tantafollos*, *santafollos, centifollo, centofollas* e *cenfollas*. *Xavou* é unha aglutinación humorística que significa "carro tirado por un único bovino".

[30] Naturalmente tamén se fai de vara de ameneiro ou de carballo retorcida ó lume.

1.4.6. Todo isto produce admiración

Exemplos coma os anteriores pódense poñer a centos e o lector que se adentre nestas páxinas poderá escoller outros coma quen escolle en peras ou cereixas. E, cando unha persoa anónima crea unha destas palabras repenicadas e o pobo a acepta e reproduce no uso, percibimos con claridade que na fala hai máis intereses cós que podiamos denominar estritamente terminolóxicos ou científicos: tamén se quere xogar coa lingua e darlle color e música á expresión.

O conxunto que aquí presentamos é obra multisecular dos gandeiros galegos e revela que eles saben xogar coa lingua, que dispoñen de alternativas para faceren algo máis que darlles nomes ás cousas e comunicaren algo. Por iso non se limitan a usar un termo técnico estandarizado senón que dosifican os sinónimos para se comunicaren e, ó mesmo tempo, para produciren no interlocutor efectos agradables. Isto é a vontade de estilo. Todo isto é creatividade artística en terreo léxico e tamén gusto pola precisión: lembrémo-lo caso do número de follas do terceiro preestómago da vaca (*cenfollas, tantafollo, santafollo*) (1.4.1.).

E a vontade de estilo xa se fai espectáculo pirotécnico se nos puxermos a observa-los refráns, as cantigas, os contos e as lendas que teñen que ver co gando e cos seus produtos. Non o imos facer porque o lector vaino encontrar todo debidamente estibado neste libro.

A riqueza non está unicamente no elevado número de voces creadas polos galegos para este campo semántico senón tamén na fina observación que moitas desas palabras ou frases implican. O aldeán galego revélasenos unhas veces como conservador de antiquísimas palabras ou de aspectos morfolóxicos, outras veces como inxenioso creador de matices estilísticos, e sempre como un usuario experto desta ferramenta de comunicación e de organización social que é o idioma.

Na fala dos homes e mulleres que traballan co gando hai vontade de estilo; a mesma vontade de estilo que ten o poeta que fai versos, o pintor que escolle cores, o músico que combina acordes e o cineasta que conta historias.

Comprenderá o lector que nós nos inclinemos reverentes ante a riqueza e a exactitude lingüística da nosa xente rural. Despois destes anos observando a precisión das súas palabras non podemos oculta-la admiración que nos produce a maneira de falar dos nosos gandeiros (e dos mariñeiros podíase dicir outro tanto).

¡Non saben o que perden os que miden a dignidade das linguas polo volume de falantes ou polo volume da conta corrente deses falantes!

A riqueza da fala gandeira e a dignidade do traballo do campo é inversamente proporcional ó coñecemento que del ten quen vive na cidade: cada día hai máis meniños urbanos que saben de onde vén o ordenador pero non de onde vén o leite; cando se lles pregunta, moitos responden que do supermercado. Máis aló do supermercado non hai nada para algúns urbanos.

Situámonos, polo tanto, moi lonxe dos que pensan que as persoas sen estudos son incapaces de manexar e mesmo crear tecnicismos [31]. Quede aquí a nosa invitación ó lector a adoptar, polo menos como cautela científica, unha actitude semellante.

1.5. Riqueza léxica e tecnicismos do gandeiro

A recolleita de vocabulario das linguas sen Estado sempre se empeza facendo en vocabularios bilingües, porque se queren facer intelixibles ós que non as entenden ou porque aínda non hai tradición de facer lexicografía nesa lingua. Así, ata os últimos anos do século XX non houbo dicionarios galegos en galego. A primeira consecuencia deste feito é que inicialmentre só se recolleron as palabras rechamantes ou que eran diferentes e asimétricas coas da lingua na que se definía, que era o castelán.

O primeiro que intentou recollelo todo foi Eladio Rodríguez González pero razóns de mercado obrigaron a Editorial Galaxia a reduci-lo volume da obra [32] eliminando as palabras idénticas en galego e castelán e mailos tecnicismos. E, como diximos, ata os traballos do ILG dirixido por Constantino García non se organizou unha recolla sistemática do vocabulario galego.

---

[31] Na Rede é doado encontrar exemplos de confusións ocasionais destinadas a facer ri-los que se consideran sabios, como *almorroides* (por *hemorroides*), *necesaria* (por *cesárea*), *hernia fiscal* (por *hernia discal*), *ursulina* (por *insulina*) ou *Mimosín* (nome de boi por *Limousín*).

[32] O manuscrito daba para catro tomos e coas supresións publicáronse tres.

Todo isto explica que sexa difícil encontrar, referido á vaca, cousas tan básicas coma *boca, ollo, enfermidade* ou *pestana* [33]; e a propia *boca* ata 1913 non aparece definida nun dicionario galego no seu sentido primeiro e recto. Outro tanto podiamos dicir de *fémur* (1958) ou de *clavícula* (1985). A isto haille que engadi-la humanización dos dicionarios, que teñen sempre o corpo humano como referente e leva a cousas tan curiosas coma defini-lo esterno como "óso anterior do peito", cando nos cuadrúpedes é o "óso inferior do peito".

Aínda así, o volume léxico que ten o galego no campo do gando bovino autoriza a afirmar que a nosa lingua dispón dun léxico técnico que cobre tódalas necesidades do gandeiro. Suliñámo-la palabra *gandeiro*, porque intentamos afirmar dúas cousas non contraditorias: unha, que todo o que o gandeiro precisou etiquetar está xa debidamente etiquetado; dúas, que un veterinario ou un terminólogo notarán a carencia de denominación popular para algunhas partes do corpo da vaca ou para certas patoloxías.

1.5.1. Abundancia e carencias

O lector hase sorprender da minuciosidade con que o gandeiro analiza os aspectos máis miúdos do corpo do animal, das súas doenzas, dos seus produtos (mesmo con pluralidade de nomes segundo as bisbarras) pero tamén se sorprenderá de certas carencias.

Vamos a un caso. No aparato dixestivo temos moitas denominacións populares para o primeiro preestómago (rumen ou panza) e o terceiro (omaso ou libro) pero non atopamos ningunha para o segundo (retículo [34]); tampouco a temos para órganos coma o páncreas, o xexuno, o píloro, o cardia, o íleo ou o duodeno. Nin encontramos como usadas pola gandería tradicional de Galicia palabras como *encéfalo, glándula salivar, ganglio linfático, aorta, xugular, arteria, vea, ovario, vulva, pene, célula* e similares aínda que todo iso está na vaca.

O que reunimos aquí é todo e só o que o gandeiro precisou etiquetar cun nome que o identificase. Pero recoñecemos que nas nosas fontes faltan algúns conceptos xerais que se dan por evidentes (*comer, beber*) e por iso non se anotan máis que cando hai unha variante non normativa: temos **enfermedá* (7141 en 8.1.1.) pero non *enfermidade.*

1.5.2. ¿Por qué hai abundancias e carencias no léxico gandeiro?

Se este desequilibrio non se pode dar na terminoloxía científica, a multiplicidade de nomes para unha mesma realidade explícase ben pola variedade dialectal de toda lingua viva. Pero ¿cómo se explican as carencias?

Xa demos antes unha primeira explicación: a maior parte dos que recolleron vocabulario foron lingüistas, non veterinarios, e por iso non preguntaron polo nome de certas cousas que era sabido que se dicían igual en castelán. Con todo, o certo é que foi o gandeiro e non o veterinario [35] nin o lingüista terminólogo quen creou todo ese caudal léxico. O gandeiro cubriu as súas necesidades fabricando un termo para cada cousa que lle interesaba manexar: partes do animal, doenzas, terapias, accións do animal, do gandeiro ou do albeites, e para cada produto ou subproduto. E acabou.

Pero esta explicación pide outra. ¿Por qué, logo, non lle interesaron certas partes vitais do animal, coma as que citamos arriba? A resposta podería ser que, aínda sendo importantes, non teñen utilización específica no aproveitamento cárnico nin son elementos visibles externamente. Pero a resposta non satisfai, porque, en cambio, si que hai nomenclatura popular para órganos non visibles nin aproveitables coma o bazo, a parte carnosa que vai dentro das uñas ou dos cornos, os uñancros, as ventas ou para partes case non aproveitables coma os pulmóns.

Se hai moitas denominacións para os cornos pero só unha para a boca ou para os ollos, e moi poucas para o rabo (case todas formas metafóricas nas adiviñas), se o concepto de "muxir" dá menos léxico có de "bradar" ou có de "embestir", se "parir" dá menos vocabulario do que "bota-las secundinas", se hai 39 denominacións para a vulva e só 14 para os testículos, se cadra, a razón está en que o que é problemático, ou pode selo, preocupa máis e é máis creador có que é normal. Isto si que é unha lei básica da lingua e de calquera actividade humana.

---

[33] Que, por outra banda, de apareceren, probablemente se referirían ó corpo humano.

[34] O epitelio do retículo presenta pregos que forman celdas poligonais, coma unha rede. En castelán chámanlle popularmente *bonete.*

[35] Veremos mesmo que ás intervencións dos veterinarios hai que atribuír a introdución de palabras que sospeitosamente cadran ou co castelán ou co termo técnico.

Hai algo de arbitrariedade e de misterio na creación do léxico. Toda a lingua responde á peculiar forma que un pobo ten de mirar e analiza-la realidade, ata o punto de que toda lingua é unha radiografía das coitas do pobo que a fala. Veremos algo máis disto, en 1.5.4.

1.5.3. A loita das denominacións tradicionais por sobreviviren

Escoitando con atención como fala a xente, detéctase que hai guerra entre palabras e que esa guerra é remol dunha soterrada guerra de linguas. Vexamos.

Hai xa tempo que tódalas reses teñen, dende que nacen, a súa propia documentación veterinaria (DIB) [36] e que se trasladan sempre con ela ata o matadoiro. Nesa documentación e mais nas follas divulgativas dos Organismos gandeiros públicos ou privados, antes só en castelán, utilízase un vocabulario técnico (*contaxio, cartilaxe, vulva, cicatriz, infectarse, penicilina*) que os gandeiros van aprendendo pola influencia da letra impresa e do que lle oen dicir ós veterinarios. Axuda tamén o traballo estandarizador da Radio Galega e a Televisión de Galicia.

Eses tecnicismos paneuropeos entran en conflito coas denominacións tradicionais que usaban os gandeiros galegos e que moitas veces eran perfectamente sinónimas. Así a *febre aftosa* ou *glosopeda* empezaron a despraza-las patrimoniais *gripo* ou *faixa* [37]; o **carbunco* empezou a despraza-las *nacidas*; e probablemente *a canal* desprazou o que antes eran *as follas*. É posible que o *matadoiro* estea agora desprazando o anterior *matadeiro*, común ata hai poucos anos por influencia do cast. *matadero,* que á súa vez desprazaba palabras moi vivas no uso e na fraseoloxía coma *obriga, macelo, macelleira, degoladoiro* e, en parte tamén, *cortadoría.*

Pero neste conflito entre sinónimos hai reaccións lingüísticas curiosas. A palabra *catarata*, a través do uso dos veterinarios (e dos médicos) e da documentación escrita, empeza a competir cos tradicionais *belida, cravo, pano* e similares. Neses casos detéctase a aparición de deformacións do tecnicismo como *catrolata* e *catalatas*.

Caso semellante é a guerra entre a *mamite* e *palmoeira* (con tódalas súas variantes): o tecnicismo invasor xa deu *maimites, mamices* e *mamites* (e o dicionario Xerais xa dá o supertecnicismo *mastite*).

Outro exemplo sería o das *secundinas* que veñen competir coas tradicionais *parias, quitas, libras, libranzas, libracións, libradeiras* pero que producen unha deformación *séculas*. Caso semellante sería o **corvejón ~ corvexón* ou *corvellón* que substitúe un anterior *bésta*.

Outro caso é o do medicamento comercialmente coñecido como *Expeleparia* que nalgún lugar rexistramos como *peliparia* (Cam1), *espulsaparias* (Ctel1) e que xa compite coa tradicional e agora minoritaria *herba da esquita* (Hermi.).

Se ben se mira, todas esas deformacións do tecnicismo son algo así coma un *anticorpo léxico* e son moi minoritarias xeograficamente no momento en que recollémo-la información. En calquera caso a batalla polo espazo e o uso queda establecida en toda Galicia entre as formas tradicionais, por un lado, e a *catarata,* a *expeleparia,* a *mamite* ou as *secundinas,* por outro, dado que aquelas deformacións teñen difícil supervivencia na medida en que a documentación escrita vai en continuo aumento. Os veterinarios e os gandeiros deberán preserva-lo uso das denominacións tradicionais en perigo para que non se consume a desaparición no momento en que as explotacións pasen dos gandeiros vellos ós gandeiros que agora teñen trinta ou menos anos.

1.5.4. Máis palabras en loita: ¿boi ou touro ?

Un exemplo do que acabamos de dicir é a asimetría que entre galego e castelán teñen as correspondentes palabras *boi – buey*. No galego non hai a diferenza que o castelán mantén entre *toro* (bovino macho enteiro) e *buey* (bovino macho capado). En galego unha cousa e maila outra son normalmente *boi* [38].

---

[36] Este Documento de Identificación Bovina substitúe as antigas Guías de Transporte.

[37] Ben mirado, a *febre aftosa* non conseguimos documentala máis que na forma castelá (*fiebre aftosa*) nunha única localización (Peno.) porque neste caso as voces patrimoniais (*gripo* ou *faixa*) resisten perfectamente e son maioritarias. Téñase en conta que a maior parte do noso material é dos últimos corenta anos e que, se for dos últimos dez, posiblemente a presenza da *febre aftosa* fose máis visible.

[38] "*Las crías reciben el nombre de becerros durante los primeros días; después este nombre o el de xatos, indistintamente. A los dos años, las hembras se llaman novelas, los machos, novelos. De los dos años en adelante vacas e bois, respectivamente. Aquí no existe la palabra touro para designar el macho vacuno: el toro es un boi enteiro, el buey es un boi capado"* (Gud7:51). *"Cando unha vaca está en celo, lévana ó semental, que curiosamente non se chama touro senón boi do posto, coma os castrados, probablemente porque non se valora a bravura*" (XRMF3: 87).

O semental chámase en galego *boi, boi do posto, boi de aboiar, boi enteiro* etc. e dise en toda Galicia *anda-la vaca ó boi* (por estar en celo) e *leva-la vaca ó boi* ou *aboiar* e mesmo se fala de *bruar coma un boi sen capar.* Incluso existe a crenza (errónea) de que a inseminación artificial produce machos estériles: *se son da semilla non valen para bois*. A contraproba é que temos incluso as palabras *toura* e *touriña* (*Touriña de vaca brava sempre turra*), que nos veñen demostrar que, cando aparece, a palabra *touro* non sempre ten connotación sexual. As poucas veces en que aparece tal distinción percíbese a influencia das formalidades gandeiras impostas pola burocracia administrativa (e nalgúns casos veterinarias) feitas en castelán. Dío moi sintomaticamente un informante de Caritel: *O boi do posto é o boi. Pero, se falo con alguén que non conozo, digo toro* (Ctel1).

No Tesouro Fraseolóxico Galego a palabra *boi* presenta 1.206 ocorrencias mentres que a palabra *touro* só aparece 36 veces. E nun corpus de 36.000 cantigas populares a proporción é de 203 e 12 respectivamente. Incluso, se analizámo-lo detalle desas aparicións, vemos que, cando aparece, a palabra *touro* vén esixida pola rima con *louro, coiro* ou *ouro* e, por parte, non sempre parece aludir á actividade sexual do boi senón á súa agresividade, como se verá en 2.1.5.3.2 [39]. Non parece, polo tanto, infundado dicir que o uso da palabra *touro* ou como semental ou como animal especificamente bravo é residual na lingua galega, case unha excepción na apreciación común e xeral.

É posible que esta indefinición veña xa do latín, onde mesmo a vaca se chama *bos femina* e onde quizais a palabra *taurus* definía máis a bravura cá capacidade reprodutora.

A asimetría que o galego e o castelán teñen para as respectivas palabras *boi – buey* é un exemplo máis da diferente maneira de ver e analiza-la realidade que teñen dous pobos e por iso existen linguas diferentes.

1.5.5. Etnolingüística, non terminoloxía

Non é este, polo tanto, un libro de terminoloxía do gando vacún, coas súas voces, únicas e oficiais, estibadas en columnas e aparelladas ós equivalentes termos que outras linguas teñen para designaren o mesmo concepto. Non é tampouco un dicionario temático, aínda que usemos tecnicismos veterinarios nas definicións, porque o sobardan moitas informacións de carácter enciclopédico e etnográfico, expresadas en boa parte á maneira dos gandeiros, que son a nosa fonte inmediata ou mediata de información. O noso obxectivo non é inicialmente cubrir cun vocablo, colocación ou locución tódalas necesidades urbanas actuais de expresión científica neste campo senón arrecadar toda a expresión técnica do gandeiro ata onde ela mesma chegou. Recollémo-lo que o gandeiro precisou crear; o que creou sen pretensión de unicidade nin de oficialidade; o que creou sen esperar pola decisión de lingüistas profesionais. Recollémo-la creación léxica que se produciu nas cortes, nas corredoiras, nas veigas e nos montes [40]. Véxase o que diremos en 2.3 e en 13.1.4.

Iso é este libro. E, aínda que o veterinario e o terminólogo vexan que aquí lles sobran e lles faltan materiais para o seu traballo oficializador, teñen reunido todo, ou case todo, o que a creación gandeira deu de si. E, como cada información leva indicación abreviada da súa procedencia, non presenta grande dificultade establecer cales son os tecnicismos máis comúns e, polo tanto, máis estandarizables. Non nos parece pouco.

1.6. Aspectos técnicos deste traballo

1.6.1. Límites xeográficos

A información procede de todo o territorio de fala galega, tal como o define a Real Academia Galega, é dicir, inclúe as zonas estremeiras de Asturias, León e Zamora [41]. Para sermos máis precisos, utilizámo-los criterios que establecen Xoán Babarro González (XBG:22) e Francisco Xavier Frías Conde (FXFC:3), é dicir, para Asturias, os concellos da Veiga, Tapia de Casarego, El Franco, Coaña, Boal, Navia occidental, Castropol, Taramundi, Santiso de Abres, Santalla de Ozcos, San Martín de Ozcos, Vilanova de Ozcos, Grandas, Eilao, Pezós, Villallón, Allande occidental e Ibias. E, para León, o partido xudicial de Vilafranca

[39] A dicir toda a verdade, tamén nos sorprende que a maior parte dos refráns nos que aparece a palabra *touro* procedan do mesmo informante: VLLM, que recolle algúns alusivos á condición de semental: *Touriño e muller onde aches dos teus. Touro e muller da túa terra deben ser.*

[40] Isto significa que tecnicismos como *omaso, abomaso, píloro, duodeno, íleo, cego, recto, cólon, frisoa, glosopeda, brucelose, leucose, encefalopatía esponxiforme bovina* ou *test de California* non se rexistran nunca ou se aparecen é só en obras lexicográficas que inclúen xa ese tipo de entradas (dicionario de Eladio Rodríguez e outros posteriores).

[41] Algunha cousa hai de Portugal, case toda de DMA.

do Bierzo, que inclúe o val de Ancares e mailo de Finolledo e que ten como fronteira lingüística o río Cúa ata embocar no Sil; e para Zamora, os concellos de Pías, Porto, Lubián e Hermisende, que ata o século XIX formaban parte de Galicia (FXFC:3) [42].

1.6.2. Límites cronolóxicos

Basicamente os datos son dos últimos cincuenta anos. A razón é que non só nesa época se recolleu máis cantidade de información senón que é a época da gran transformación gandeira de Galicia, que está aínda en curso. O proceso de urbanización provocou un abandono masivo desta actividade, maiormente no sur de Galicia e iso implica o esquecemento dun importante caudal lingüístico e etnográfico. Aínda que haxa gandeiros que poidan dicir que eles non usan algunha das palabras que aquí aparecen, estamos seguros de que lembrarán que algunha vez llelas oíron a outros gandeiros de Galicia: é dicir, que, máis que palabras xa desaparecidas, deben de ser variantes dialectais. Esperamos que o conxunto do material que aquí se recolle espelle relativamente ben o estado actual da lingua dos gandeiros.

A información anterior a 1958 (data do 1º volume do *Diccionario de Eladio Rodríguez*) é menor [43]; e menor aínda a anterior a 1900. Facemos unha comprensible excepción co P. Sarmiento, que, aínda que viviu no século XVIII, case sempre nos permite entender outras formas ou variantes actualmente vivas [44]. Dende logo algunhas referencias que encontramos nos textos medievais, coma tal o sintagma *cornos merjudos* das *Cantigas de Santa María,* non forman parte do corpo lexicográfico deste traballo (véxase 3.2.12.), non sendo que pervivan na actualidade (*pigoreiro* 13.131 na epígrafe 9.11.1.) e, nese caso, figuran como un precedente.

1.6.3. Límites léxicos

No campo do léxico entra todo o referido á vaca, ós seus produtos (leite, carne), ós derivados (queixo, manteiga etc.) e ós subprodutos (coiro, esterco etc.) pero con cinco limitacións necesarias para non caer na arbitrariedade:

- Excluímol-o que non ten contacto físico e habitual co gando, aínda que este o poida utilizar. Por esta razón entran os alimentos do gando pero non o *palleiro,* o *cuberto* ou *alboio*, o *hórreo* ou *canastro – piorno – cabana – palleira* onde eses alimentos se curan ou almacenan nin tampouco os sacos ou recipientes nos que se transportan, coma a *coaña,* a *coañeira* ou a *colmeira.* O caso do carro é problemático e finalmente decidimos darlles entrada unicamente ás pezas do carro e arado que entran en contacto físico co corpo do animal: cabezalla e xugo.
- Excluímo-los significados ou acepcións das palabras que non teñen que ver directamente con este tema. Así, *outono* neste libro só entra co seu significado de "herba" pero non co de "estación do ano"; en *manteigueiro* prescindimos do significado "sacauntos, home co que se asustaba os meniños, para que fosen obedientes", porque nada ten que ver coa manteiga do leite; en *cornecho* prescindimos do significado "corruncho", porque aínda procedendo da palabra latina

---

[42] Do galego exterior excluímo-las palabras que teñen os elementos característicos do leonés e castelán (*h-* inicial por *f-*; ditongos *ue / ie, j* como velar aspirada) cando os rexistramos unicamente en zonas do exterior de Galicia (*buey, cuerno, pescuezo, fuente, caluestro, buesta, abierta, piensar, leche, trasera, pernera, yera, curandero, vecera zapatera, encuadrar, guadañar, jato, cuajada, pareja, parejero, coja, pujavante, rumiajo, rebaje, coger, paletillo de atrás, hormiguilla, hormiguillo, villano, manzaneta, calostrar, frecha, estilao, deshilar, encanijarse, tajo, empajada, uñir, desuñir* etc.) pero incluímolas cando detectámo-la súa presenza en territorio galego e un asterisco indica que se trata non dunha palabra galega lexítima senón dun castelanismo introducido ou pola documentación escrita que acompaña os animais, ou por cursos dados en castelán ós gandeiros ou polo contacto con tratantes de fóra de Galicia ou con algúns veterinarios (**ternero, *novilla, *paletilla, *toro, *mora, *ventana, *vena, *naturaleza, *corvejón, *cumplida, *ordeñar*). Do galego de Cáceres, que só recentemente recibe atención dos lingüistas galegos, non temos información.
Naturalmente, ese precioso relato titulado *Adios, Cordera*, co que se identificarían moitos nenos galegos con experiencia gandeira, non entra porque Leopoldo Alas, Clarín, escribiuno en castelán. Igual acontece cos datos lingüísticos, fraseolóxicos e etnolingüísticos que Luciano Castañón recolleu nos seus "Apuntes folklóricos sobre la vaca en Asturias" (*Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXVIII, 3º e 4º, 1972, 291-315) aínda que, en moitos aspectos, son plenamente equivalentes dos datos galegos aquí recollidos.

[43] Calculamos que representa un 16% dos puntos de información.

[44] Excluímos algunhas voces que unicamente Sarmiento recolle coma *vrille* (virilla); *couxa* (coxa 1); *raniella* (*ranilla 2, que localiza no Bierzo); *bancada* (manada de trinta a corenta cabezas de gando vacún); *rendibles* (renda que producen os bens raíces, o gando, etc); *sol 2* (soliño 2 e para o xénero deste substantivo véxase *sol 1*); *soliño 2* (pau unido por unha articulación que serve de temón ou cabezalla á grade e que facilitan dar volta ó gando. Sarmiento recolle como sinónimos *soles* e *soliños*, e defíneos como: "Son dos palos largos que en medio se unen con un *estrobo* para el juego y los dos sirven de *temón* o *cavezalla* para unir la *grade* al *jugo* y de modo que se puedan volver los bueyes" (FMS:304); *pego 3* (prado ou veiga: *Esta herba nace nos pegos*. Martín Sarmiento di que posiblemente veña de *pagus*); *bosteiro 4* (sitio onde se xuntan os bois para levalos a pastar). E tamén excluímo-las fórmulas *¡poitiño, poitiño!* (para chamar polo becerro cando o aloumiñan); *¡stea! /¡ste, boi! /¡te!* (para para-los bois).

cornu, xa naquela lingua facía referencia a "esquina, corruncho" e non ó apéndice óseo da vaca; *facenda* ten aquí como único valor o de "gando" ou "patrimonio, especialmente gandeiro, que posúe unha familia" [45] e non o de "conxunto de organismos fiscais encargados de reuniren e administraren os impostos que pagámo-los cidadáns (*Ministerio de Facenda, Consellería de Facenda*)", porque aquel é o significado tradicional na economía gandeira, independentemente de que na actual sociedade urbana ou industrial sexa prioritario o segundo e mesmo xa non sexa inusual entre os gandeiros que realizan un traballo cada día máis tecnificado, documentado e fiscalmente controlado. Dámoslles entrada, en cambio, a algunhas palabras que evocan algún carácter do animal coma a 12ª acepción de *vaca* ("bucina que substitúe o faro nas horas de brétema e que remeda o brado do bovino") ou o *leite 4* ("esperma"), *leite 5* ("zume branco que deitan algunhas árbores e froitas") ou *becerro 3* ("libro encadernado con pel deste animal") [46].

- A terceira limitación é que excluímos palabras que só teñen unha relación ocasional co animal, coma *carapochu* ("Tocón delgado e en punta, resto de algunha planta, que queda no chan en que pode cravarse nas patas do gando". (Ibias2)) ou *arame***,** *tachola, pataca, cravo*.
- Excluímos palabras das que non nos consta que, aínda sendo xenéricas, adoiten aplicarse ás vacas: *conceber ~ concibir* significa xenericamente "inicia-la xestación unha femia" pero hai restricións polas que non tódalas mulleres xestantes aceptan que digan que *empreñaron* ou que *están preñadas* e, reciprocamente, resulta inverosímil que alguén diga que unha vaca *concibiu* ou que *está embarazada* e, polo tanto, non damos entrada a esta voz xenérica.
- Excluímos tamén tódolos elementos fixos que delimitan propiedades e que contribúen a impedir que o gando vaia pacer en propiedades alleas.
- Dado o carácter deste traballo prescindimos tamén da etimoloxía das voces que definimos e só nos referimos a ela cando nos parece que ten algunha relevancia.

1.6.4. Límites literarios

No eido literario a cousa é máis complexa. Naturalmente entra todo o que constitúe a memoria colectiva galega (cantigas, adiviñas e contos de tradición oral), pero o límite é algo máis difuso. Decidimos darlles entrada ás transcricións de gravacións de relatos en vivo, tanto se reproducen as vacilacións e anacolutos do narrador oral (*Era o lobo e, claro, había unha vaca bastante flaca, e dixo..., e foi xunto a ela*; CNC:68) [47] coma se o compilador lles afeitou a sintaxe (coma acontece nos do colexio FINGOI). Inserimos tamén os que, estando asinados por un autor, teñen tódalas trazas de seren orixinalmente relatos de tradición oral [48] ou que están construídos con tal realismo e verosimilitude que calquera gandeiro os consideraría case como gravacións do natural polo fondo e pola forma, como son os relatos de feiras de Lence Santar (10.7.) e de Prado Lameiro (10.5.3.1.), García Barros (10.5.3.2.) ou Vázquez Pintor (10.5.3.3.).

No lindeiro deste libro estarían algúns textos de autor que atinaron a expresar sentimentos moi profundos dos galegos e que, nalgún caso, son xa textos tan citados que quedan ás portas do consabido, é dicir, do sabido por tódolos galegos, que é unha das claves da etnolingüística: referímonos ó famoso texto de Castelao sobre a vaca: isto, en prosa, sería o equivalente dalgunhas cantigas de Marcial Valladares ou de Leiras Pulpeiro que, sendo de autor, expresan tan ben coma as anónimas as angueiras e ilusións dun gandeiro tradicional, de xeito que moitos gandeiros non as distinguirían.

As excepcións a esta norma, como xa dixemos, serían os textos de autor que resultan se-la única (ou case única) fonte que documenta unha palabra: tal pode se-lo caso de media ducia de cuartetas do *Coloquio en 1200 coplas galegas* do P. Sarmiento (que, por parte, é o monumento iniciador da filoloxía galega en plenos séculos escuros) ou uns poucos pero sentidos versos galegos de Valle Inclán (ver cap. 5.5) e algunha cousiña máis.

---

[45] Incluso algunha fonte do século XIX (Rodríguez, inédito de 1855, *DdeD*) recollía para *facenda* a acepción de "testículos dos animais", nunha denominación case metonímica de causa por efecto.


[46] Entran aquí as acepcións de *becerra 2* (Capa escura e apelmazada da masa pouco cocida que, por veces, ten o pan por non estar ben esperta ó enfornala) e *becerra 3* (Mancha escura pouco visible debida á humidade e que aparece na roupa branca que está moito tempo gardada.) das que ninguén sabe cal é a motivación e polo tanto a relación co significado orixinal.

[47] Tamén recollen estas vacilacións ECP, EBI e XPP entre outros.

[48] Un exemplo pode explicalo mellor. Xan Fouciño publicou en 1918 un relato picaresco titulado *Deliraba* e en 1947 José Ramón y Fernández Oxea publica outra versión do mesmo relato baixo o título *Feirantes*. A coincidencia da trama e dos personaxes, aínda que baixo antropónimos distintos, confirma o que por outro lado xa se sabía: que os tales autores eran a mesma persoa. Estes dous relatos escritos, tan semellantes, teñen tódalas trazas de seren a elaboración persoal dun conto de tradición oral, coas mínimas diverxencias que o mesmo autor tamén introduciría se o contase oralmente en diferentes momentos e lugares. Aínda que nos chega nun soporte escrito e non anónimo, sospeitamos que é un conto tradicional e, por esa razón, dámoslle cabida nesta monografía etnolingüística.

Deixamos para un simple apéndice final (cap. 16) outras referencias literarias ó gando vacún e ós seus produtos, que nos parecen máis significativas pero que non nos parecen propias dunha monografía etnolingüística [49].

1.7. Procedencia da nosa información



Distribución xeográfica da información contida nesta monografía. Mapa elaborado polo SITGA.

[49] Coma tal, *A memoria do boi* de Vázquez Pintor e similares. Nese apéndice encontrará o lector relatos ou versos nos que o gando, ou os seus produtos ou o seu comercio dan ocasión ou, mellor dito, fornecen a metáfora encol da que un escritor constrúe un relato ou un alegato que sobarda o estrito ámbito gandeiro, e que non é o asunto central do escritor: tal é o relato *O feirante* que Díaz Pardo publicou no 1956. Dende hai poucos anos hai na Rede grandes córpora coma o TILG (do ILG) e o CORGA (do CIRP) e neles pode o lector interesado facer unha pescuda máis exhaustiva.

1.7.1. Lexicografía édita ou inédita e traballo de campo

Este libro ofrécelle ó lector a suma, organizada e peneirada, da información que procede dun total de 2.411 localidades ou fontes de información. Sendo máis precisos, diremos que o número exacto de lugares dos que temos algunha información é o que reproduce a seguinte táboa:

Puntos de información	Galicia	Fóra de Galicia
Comarcas	62	30
Concellos	293	
Parroquias	681	
Lugares	308	

Enténdese que estamos falando de unidades xeográficas non repetidas. Ora ben, dalgúns deses puntos de información temos varios informantes. E, por parte, algúns informantes ofrecen datos de numerosos lugares (nomeadamente Manuel González, Xaquín Lorenzo, Aníbal Otero e Elixio Rivas). Como xa dixemos en 1.6.1., tamén incluímos algunhas informacións da zona galegofalante de Asturias, León e Zamora [50].

Se, en cambio, pensamos no soporte en que estaba a información, temos que dicir que todos eses datos estaban dispersos en 473 libros e en 381 artigos, uns publicados e outros inéditos. A eses hailles que sumar 241 inéditos do ILG e o material recollido por nós de maneira directa ou indirecta.

Sumando localizacións xeográficas e referencias bibliográficas, chegamos ás 2.411 fontes de información. Delas saíron 17.363 entradas ou léxicas ou fraseolóxicas.

Todo isto dá idea do dispersa e parcial que era a información que hoxe aparece aquí reunida.

Boa parte deste traballo hoxe está moi facilitado polo *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina. Aínda que para este noso libro chegou tarde, esa ferramenta magnífica simplifica tanto a escolma da mellor lexicografía, que podemos esperar que axiña vaian aparecendo traballos semellantes a este sobre outros aspectos da cultura material e así, pouco e pouco, iremos vendo con máis claridade qué mundo hai detrás das nosas palabras galegas.

A nosa tarefa foi, polo tanto, reunir toda esa información parcial e dispersa e artellar un conxunto ben organizado e depurado, que lle permita a un galego urbano de comezos do século XXI acceder á información que verbo deste tema tiña na cabeza un gandeiro rural da segunda metade do século XX [51].

Parte do material aquí reunido é froito da nosa propia pescuda de campo. Pero recoñecemos con gusto que o edificio está feito en boa parte con materiais alleos, uns publicados e ben coñecidos, outros publicados pero de difícil acceso, e outros que quedaron modestamente inéditos. Entre estes últimos destacan os do Arquivo do ILG, do que falaremos axiña.

O que fixemos foi, en certa medida, algo de arquitectura: reunir informacións, peneiralas e artellar con elas un sistema. A peneira afectou non só a cuestións ortográficas senón tamén a innumerables imprecisións, que veñen non só en informacións de principiantes senón que chegaron a estar na primeira edición de recoñecidos dicionarios (coma tal, o caso das chamadas *veas do leite* [52]). Dos tres bloques (información propia, información allea publicada e información allea inédita) a procedente do ILG forma un conxunto peculiar pero relevante e por iso lle imos dedicar unhas palabras.

1.7.2. O arquivo do Instituto da Lingua Galega

O arquivo do ILG é un arquivo senlleiro, non só por ter papeletado todo o anteriormente publicado, senón, e sobre todo, por ter un riquísimo material procedente de fontes propias e ben depuradas.

Por se os datos do *Atlas Lingüístico de Galicia* non fosen suficientemente expresivos, hai xa anos o *Glosario* (CGG1) de Constantino García González supuxo un salto cualitativo na nosa lexicografía, do que daremos un indicio: a *gota,* como denominación da epilepsia, ten no arquivo do ILG numerosas localizacións e, quizais por iso, o *Glosario* de Constantino García dáa como voz común, cando nos dicionarios anteriores con ese valor non aparece en ningún. Algún día valorarase debidamente o mérito do equipo que dirixía C. García

[50] Nalgún caso illado incorporamos algunha información significativa de Portugal (DMA, CV1, CV2).

[51] Xa deixamos dito que somos da idea de que chegou a hora de que o enorme esforzo de recolleita *in situ* se vexa acompañado por un semellante esforzo de síntese nesta e en moitas outras materias ben documentadas nos fondos inéditos pero aínda inexplorados polos investigadores.

[52] PBJ:34

González organizando unha farturenta recollida de léxico galego na Galicia da súa chegada a Compostela en 1965, cando aínda non existía unha política autonómica que a puidese financiar e ofrecéndonos unha nítida fotografía da lingua galega da fin do segundo milenio. Os nomes de Antón Santamarina Fernández, Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Manuel González González, unidos ó de Constantino García González, marcan o tránsito a unha filoloxía galega internacionalmente homologable e homologada.

Xa contamos en 1.2. que, cando nós xa dabamos por rematada a incorporación de datos, o profesor Constantino García González, daquela director do ILG, convidounos a recomenza-lo noso traballo incorporando unha información secundaria que almacenaba o Instituto da Lingua Galega.

O que nos puxeron nas mans Constantino García, e o seu sucesor no cargo, Antón Santamarina, non foi, como é natural, os depurados materiais do *Atlas,* nin os traballos dos alumnos senón a refundición por preguntas dun cuestionario do que xa falamos en 1.2. Deste material, que daquela non estaba depurado nin contrastado [53], aínda demos libado moi boa información a por de facer moita comprobación, matización e selección e de contrastalo co material que nós xa tiñamos. Isto permitiunos salvar algunhas grallas, inevitables en calquera traballo deste tipo, e debidas ben ó feito de ser un lingüista quen recolleu información zoolóxica, ben a algún fallo na transcrición, ben a problemas da propia información, ben a algunha imprecisión ocasional do cuestionario que serviu de base á recollida de datos.

Esta depuración foi a nosa maneira de corresponder á hospitalidade científica e tamén de honra-lo papel histórico do ILG. A información resultante é valiosa, como sospeitaba Constantino García, por volume e por calidade e agradecemos expresamente podela incluír nesta monografía.

1.7.3. Problemas doutras fontes

Nalgúns poucos casos observamos que na definición os lexicógrafos usan unha palabra castelá cun significado que non parece corresponderlle: tal é o caso da *coyunda*. Nese caso advertímolo e corrixímolo.

Na paremioloxía, por veces, tamén se precisan filtros. Baixo o posible pseudónimo de *Jacinto del Prado* apareceu en 1906 en diferentes números do periódico *La Defensa* de Lalín unha sección titulada *Máximas y refranes gallegos*. Nela os refráns de tradición oral aparecen mesturados con creacións propias que nunca acadaron a categoría de populares, coma *Baña en xulio teu ganado despois de haber sesteado; Potro e becerro que haxas de castrar, de octubre nunca ten que pasar; Cos animás a forza de limpeza, daranlle ó labrador moita riqueza; Convén a todo ganado estabro moi ventilado.* Ben se ve que son máximas probablemente inventadas polo colector para mellora-los usos dos gandeiros, porque carecen de todo tipo de paralelos e variantes e porque conteñen irregularidades gramaticais e léxicas [54]: todo fai pensar en que son consellos dun enxeñeiro agrónomo ou dun veterinario (semellantes a algunhas que se publicaban no *Gaiteiro de Lugo*), que é persoa culta que pensa en castelán. Nalgúns casos mesmo son malas adaptacións do castelán [55]. Obviamente tratamos separadamente estes materiais.

Un caso diferente é o de Vicente Llópiz Méndez. A súa información, extraordinariamente rica por achegar máis de 40.000 refráns, presenta outro tipo de problemas: innecesarias adaptacións de refráns doutras linguas, mestura de refráns con cantigas, ensalmos e esconxuros e, sobre todo, irregularidade na localización [56].

---

[53] O propio ILG fichou ese material en papeletas de color diferente, como advertencia de que estaban sen revisar, que piden un manexo prudente e que, polo tanto, é un material secundario.

[54] Véxanse estas: *Saca o teu gando ó sol e veralo con bon fol. Ganados limpos e ben aloxados, en moita parte están *cuidados. Ganadeiro que seu oficio entenda, home ha de ser de gran trastenda. Femia regalada que esté criando, en leite con usura está pagando. Os queixos millores da primaveira en octubre véndense á carreira. Cos animás a forza de limpeza, daranlle ó labrador moita riqueza. O maor rendemento do ganado é o esterco ben aproveitado. A herba do alto en abril pastada, en setembro debe ser aproveitada. Como vay o gando engordando, convén sin recelo ilo despachando*.

[55] *Por Santa Maria de Agosto repasta à vaca un pouco, po-la de Setembre anque ò vaqueiro á pese.* Vázquez Saco recólleo e transfórmao en *Por santa María de agosto repasta a vaca un pouco; pola de setembre, anque o vaqueiro a pese.* No fondo os dous están adaptando un refrán castelán que está en Correas e que VS cita así: *Por Santa María de agosto repasta la vaca un poco; por la de setiembre, aunque al vaquero le pese*.

[56] Cando cita o refrán *Ó máis larchán~lataregó máis logo lle dan un pego,* localízao como Agromaior en Sarria, o que parece indicar un lugar de Sarria, sendo que *Agromaior* é o nome dun dos seus informantes, que ás veces presenta así: *J.M. Agromayor ~ Sarria de J.M. Agromayor ~ J.M Agromayor* (*Ferias y costumbres*, Sarria 1952), traballo que non demos localizado. Neste caso localizamos no propio manuscrito de Llópiz. Caso semellante é o de Páramo, que por veces aparece como un topónimo de Sarria e outras veces como L. Páramo (Sarria). En Llópiz é habitual practicar distintas formas de citar un mesmo informante, como é o caso do veterinario Javier Fernández Losada que o cita como *J. F. Losada ~ J. Fernández Losada ~ Javier F. Losada ~ Javier Fernández Losada ~ Javier R. Losada ~ F. Fernández R. Losada.* O mesmo lle pasa con A. Abelaira Abizanda que aparece como *A.A.A. ~ A. Abizanda ~ A. Abelaira ~ A. Abelaira Abizanda ~ M. Abizanda* e o seu texto *Monografía da Capela* aparece como *Monografía de la Capela ~ Monografía de La Capela ~ Folklore de la Capela ~ Folklore de La Capela.* Non demos localizado este traballo.

1.7.4. Problemas de localización xeográfica

Hoxe calquera galego ten acceso a mapas de Galicia moi detallados e moi depurados; dispón tamén dun nomenclátor actualizado no que tódolos núcleos habitados aparecen ordenados por parroquias, concellos e provincias; e todo isto é de moi doado acceso mesmo en internet. Pero o lector mozo debe saber que nada disto existía hai corenta anos. E, polo tanto, moitas veces os nosos informantes da primeira metade do século XX, cando localizaban unha información, facíano por aproximación: Llópiz, coma tal, citaba con toda tranquilidade *Cabañas, Ferrol,* sendo que Cabanas e Ferrol son concellos diferentes e mesmo teñen outros concellos no medio deles. Véxase, coma tal, no capítulo 17 o que dicimos en XLF5:1; XLF5:13; XLF5:15; XLF5:38, ou as dúbidas que nos xorden ante refráns como *¿Onde irás, boi, que non ares? –A Balsada e a Casares* (véxase 9.6. *Arar*). En homenaxe ós que antes de nós fixeron un traballo pioneiro e en condicións moi desfavorables, evitamos resaltar estas inexactitudes, relativamente menores, e limitámonos a salva-los erros. E, ademais, o lector deberá ter en conta que nalgúns casos o nomenclátor oficial mudou deles a nós: *Buxán* pasou a ser *Val do Dubra* e *Neira de Xusá* pasou a ser *Baralla.*

1.8. Algunhas cuestións lexicográficas ou ortográficas

1.8.1. Criterios de lematización: temas e acepcións

Como este libro ten unha estrutura temática, o vocabulario aparece organizado por temas e, dentro de cada tema (e subtema), aparecen por esta orde: primeiro os substantivos (*dente*), despois os subst. compostos (*dente de leite*), as locucións substantivas (*vaca negra* "varredoiro do forno"); despois os adxectivos (*fechada*), as locs. adxectivas (*necia dun cadril*), os verbos (*fechar*), as locs. verbais (*falar polo dente*), as locs. adverbiais (*á molida*) e as fórmulas *(¡pica, rabela!*). Dentro de cada categoría a organización é alfabética, coas limitacións que aínda hoxe teñen nisto os programas informáticos.

No caso de que unha mesma voz ou lema sexa substantivo e verbo ou substantivo e adxectivo, salvo inadvertencia, a numeración dará prioridade ós substantivos sobre os adxectivos, a estes sobre os verbos e así sucesivamente.

A existencia de temas conexos explica que, nalgúns casos, un mesmo lema e unha mesma acepción poida aparecer en capítulos distintos nos que entra con toda lóxica. Só cando se trate de acepcións verdadeiramente distintas, distinguímolas, como é habitual, con numeración distinta e correlativa. Así *abarbeitar 1* ('Parir [unha vaca] tódolos anos') aparece primeiro como característica positiva (3.1.11) e despois como sinónimo de parir no capítulo de reprodución (7.5.1) pero nos dous casos significa o mesmo e considerámolo unha única acepción; pero hai unha acepción distinta noutra epígrafe (7.3.2.), *abarbeitar 2* que significa 'cubri-lo touro [á vaca]' [57].

Un caso parecido pero algo máis complexo é o que se dá na patoloxía. Frecuentemente os nosos informantes ven síntomas e danlle un nome; pero eses síntomas poden corresponder a enfermidades distintas; é dicir, temos voces referidas a enfermidades con sintomatoloxía semellante, que o informante non distingue. Neste caso preséntaseno-lo problema de que nós non podemos ir máis aló da información que temos. Ora, como a nosa clasificación separa as enfermidades en capítulos distintos, a mesma voz aparecerá nas dúas enfermidades e, en consecuencia, aparecerá duplicada nunha listaxe alfabética de entradas. Este é o caso, por exemplo de *anabado, lixo 1* ou *raxo 5,* que aparecen rexistrados como "endurecemento e inflamación do ubre" e este síntoma pode corresponder tanto a unha mamite coma a un edema mamario: loxicamente as tres voces aparecerán nas dúas enfermidades.

A numeración de acepcións diferentes, salvo inadvertencia, prima a máis común ou a de significado máis directo. Así *alobado 1* é "[Animal] adentellado polo lobo" e *alobado 2* é "carbuncho", é dicir, unha enfermidade producida por contaminación de esporos bacterianos nas feridas: parécenos que o primeiro alude a unha causa e o segundo a efectos. Da mesma maneira *barrosa 1* e *barrosa 2* son adxectivos localizados como vivos en puntos concretos pero intelixibles en toda Galicia, mentres que *barrosa 3* é o substantivo que

[57] Outro exemplo é o de *acantoamento* ("sitio retirado onde pode pacer libremente o gando enfermo, arredado do resto para non pegarlle o mal"): naturalmente isto aparece entre as palabras que designan o prado (9.10.5) pero tamén aparece no capítulo das patoloxías, en canto que fala da corentena, medida preventiva (8.1.1), porque ese lugar especial ó que se levan os animais que padecen unha enfermidade contaxiosa ten un nome específico en galego; non se trata dunha acepción distinta senón dunha acepción que acae por igual a dous capítulos distintos.

significa "feira" no barallete: neste caso o substantivo é menos común e menos coñecido e por esa razón é a terceira acepción [58].

Tódolos lemas aparecen numerados para facilita-las máis de 5.000 remisións internas entre voces.

1.8.2. As cuestións do xénero

Aínda que os dicionarios tenden a lematizar pola forma masculina e nacer nacen na mesma proporción machos e femias, en Galicia xa non se traballa con bois e, tralo masivo sacrificio ós dez meses, como animais adultos só quedan femias e algún semental. Por esa razón, as fontes orais cando falan de bovinos tenden a pensar nunha vaca ou becerra; o propio cuestionario do ILG case todo é referido á vaca ("catarata en el ojo de la vaca", "bolas de boñiga pegadas al pelo de la vaca", "infectarse el cuello de la vaca a causa del roce del yugo", "vaca con los cuernos hacia arriba", etc.). Deste xeito, moitos adxectivos chegan a nós na forma feminina. Iso provoca que documentemos nunha proporción anormalmente alta adxectivos femininos (máis casos de *ladroa* ca de *ladrón;* máis *especozadas* ca *especozados*) pero é de sentido común que as formas masculinas dos adxectivos existen tamén para todas aquelas funcións ou actividades que poden realizar ou acontecerlle indiscriminadamente a machos ou femias (naturalmente, non pode haber un *boi *baleiro* nin unha *vaca *colluda*).

Pero hai máis. Non sempre damos sabido cal é o substantivo que hai detrás dun adxectivo. Por exemplo, cando encontrámo-los adxectivos *infectado ~ infectada, encertado ~ ensertada, espescozado ~ espescozada* non é seguro que detrás estea sempre o substantivo *becerro ~ boi* ou *becerra ~ vaca*: poden moi ben estar outros como *pescozo* (*infectado, encertado)* ou *xugueira (infectada, espescozada*). Nestes casos procedemos co que nos parece de maior sentido común: estase falando de pescozos inchados de bovinos e definimos *inchada: [Vaca] que ten o pescozo inflamado por cousa da rozadura do xugo* ou *inchado: [Pescozo] inflamado por cousa da rozadura do xugo.* Hai casos nos que recollemos *pezuña collida* e *casco collido* ou *croca baixada* e tamén *cadril baixado*: nestes casos utilizámo-lo substantivo máis común e o xénero correspondente, indicando, en calquera caso, con que outros substantivos combina ese adxectivo.

Outro caso dáse cando dun mesmo substantivo existen variante masculina e feminina, distintas unicamente por un morfema de xénero, algunhas fontes dan só a forma feminina ou só a forma masculina, mentres que outras dan a masculina e maila feminina. Así Cab., Ced., Gud., Xun. ofrecen a forma feminina *tenreira* pero ERQ, FMS, Incio, Lobe., VFrore., XER, XLF, XRMF4 ofrecen a forma masculina *tenreiro,* mentres que Burón, ERG, JMP e Suarna ofrecen as dúas formas, masculina e feminina (*tenreiro* e *tenreira*)[59]. Nestes casos parece verosímil que, aínda que as fontes non o digan, en cada un deses lugares deben de correlas dúas formas, masculina e feminina, pero non temos maneira de aseguralo sen faltar á verdade, maiormente cando traballamos con fontes escritas; así que decidimos lematizar independentemente as formas masculina e feminina, aínda que nestes casos o habitual sería lematiza-la forma masculina e indicar cál é a forma feminina.

1.8.2.1 Loita de xéneros

O uso oral que se percibe na información que manexamos cadra maioritariamente co estándar. Con todo hai tres casos [60] nos que se percibe unha certa vacilación no xénero: son os substantivos en *–axe* e mailas palabras *ubre* e *leite* e, como este libro recolle usos, onde hai irregularidades ou anomalías anotámolas na súa exacta proporción.

1.8.2.1.1. Substantivos en *–axe*

A normal xeral de que os substantivos que rematan en *–axe* (fóra de contadas e coñecidas excepcións) son femininos cúmprese en *dentaxe, ferraxe, fogaxe, limaxe, tripaxe* e *zurraxe*. Hai outros nos que se percibe a loita entre o feminino e o masculino (propio do castelán *–aje*), porque detectámo-la mesma palabra cos dous xéneros (*forraxe (a~o), ofraxe (o), sofraxe (a), sufraxe 1(o~a), sufraxe 2(o), xufraxe (a*). E hai un

---

[58] Pola mesma razón *estrume 1* é o subst. de xénero masculino, común a toda Galicia, mentres que *estrume 2* é o substantivo sinónimo de xénero feminino restrinxido a Piquín. Máis difícil é o caso de *forraxe 1*, de xénero feminino coincidente coa norma en dúas fontes, e *forraxe 2* de xénero masculino noutras dúas: neste caso damos preferencia á normativa. No caso de que a acepción máis común non sexa a de significado máis directo dámoslle prioridade tamén a de significado máis común (*xugueira* 1 é "calo no pescozo" por se-la acepción máis estendida mentres que *xugueira2* é "a caluga onde asenta o xugo" pero con menos localizacións).

[59] Do mesmo xeito, Dis., Laiosa, Pantón, Parade., Penela, Ram., Sober2 e Taboa ofrecen só a forma masculina *bucho* ('becerro'), Sete-L ofrece só a forma feminina *bucha* ('becerra') pero ERQ ofrece as dúas (*bucho* e *bucha*); ERG e mais LG ofrecen *cato* ('becerro') pero *cata* ('becerra') só o ofrece ERG. Caso parecido é o de *cornuda* e *cornudo.*

[60] Podíase incluír outros coma *estrume*, masculino en todas partes menos en Piquín, onde aparece o feminino.

terceiro grupo que aparece sempre en masculino, curiosamente moitos testemuñados por ERG (*anaxe, andaxe, cartilaxe, costelaxe, formaxe, pastaxe, pasturaxe*). Algo semellante acontece con *cornal* (tira de coiro coa que se amarran ó xugo os cornos do animal xunguido): o xénero é predominantemente feminino, pero Taboada Cid detecta que na Mezquita corren os dous xéneros, masculino e feminino. Nas proximidades (Viana) Rivas Quintas rexístrao como masculino.

1.8.2.1.2. O caso do *ubre*

Máis sensible é a oscilación de xénero en dúas palabras de moito uso: *ubre* e *leite*. Estas dúas palabras teñen tradicionalmente en galego xénero masculino. Forman parte dunha serie de palabras que en latín tiñan xénero neutro *(mel, fel, sal)*, que pasaron ó galego como masculinas e ó castelán como femininas *(la ubre, la leche, la miel, la sal, la hiel)*. Polo tanto, este xénero é un trazo diferencial co castelán e a maior parte das nosas fontes manteñen para as dúas palabras ese tradicional xénero masculino, porque, aínda que non sempre especifican o xénero, cando vai acompañado dun adxectivo, este concorda con el en masculino. Pero percíbese unha pequena crise deste xénero. Vexámolo con algo de detalle.

Aínda que só en tres lugares recollémo-lo uso directo de *ubre* como feminino (Lubre [61], Oroso1 e Vixoán), se observámo-los sintagmas nos que *ubre* entra a formar substantivos compostos, colocacións ou locucións, nas que forzosamente se marca o xénero, vemos que o uso do xénero feminino aparece en 56 lugares máis [62]: neses lugares *ubre* aparece asociado a adxectivos femininos (*baldeira, estiñada, inflamada, maniña, ruchada, seca, secada, sorodia*); aparece tamén como suxeito de verbos (*aumenta-la ubre, aumentarse a ubre, cabecea-la ubre, crece-la ubre, encalla-la ubre, face-la ubre, medra-la ubre*) e como obxecto directo (*te-la ubre dura, ter mal a ubre, zoupa-la ubre; ter na ubre por cuartillos*). E mesmo aparece nalgún refrán:

A vaca ó tocarlle na ubre leite dá. (XTC4)
Vaca de Cancelada, moita ubre e pouca canada. (VS)
A vaca, para ser leiteira, ha de ter ubre larga, os cornos aguzados e fuciño achatado. (UCA2)

Ora ben, para unha correcta valoración do anterior, cómpre matizar que en 19 desas 56 fontes tamén se documenta o uso da forma masculina. Obsérvese o seguinte cadro.

en	recollemos	pero tamén
Anca.	*ter mal a ubre*	*ubre seco*
Arme.	*aumentarse a ubre*	*seca-lo ubre, te-lo ubre como unha pedra*
Consta.	*ubre baleira*	*medra-lo ubre*
Cunt2.	*ubre seca*	*ubre seco*
Damil,	*ubre inflamada*	*medra-lo ubre*
Eixo	*ubre seca*	*te-lo ubre duro*
Lago	*ter na ubre por cuartillos*	*seca-lo ubre*
Medín	*ubre seca*	*face-lo ubre*
Miñor2	*medra-la ubre*	*corda do ubre*
Morai.	*ubre secada*	*sacudi-lo ubre*
Neda	*ubre sorodia*	*ubre empedrenido*
Oirós	*ubre maniña*	*ubre empadoado*
Oroso1 e 2	*ubre seca, crece-la ubre*	*corda do ubre, ubre acucao*
Sabu2	*ubre estiñada*	*medra-lo ubre*
Suevos	*ubre seca, zoupa-la ubre*	*ubre inflado, ubre malo*
Taboa.	*ubre seca*	*ubre enfermo*
Viso1	*face-la ubre*	*alargha-lo ubre, ubre enlousado*
Vixoán	*a ubre*	*medra-lo ubre*

[61] *Os de Lubre, toman o leite da ubre.* (VS4)

[62] E son Anca, Arme., Baltar, Bar-Co., Barre., Bolo, Buga-N, Callo., Cang3, Car2, Carbal., Chan., Consta., Couso, Crendes, Cruído, Cubi2, Cunt2, Damil, Dis., Dum., Eixo, Fara., Figuei., Fol-C, Frei., Lago, Laiosa, Macei., Medín, Mez., Miñor2, Morai., Mosen., Neda, Oirós, Oroso1, Oroso2, Penela, Peno., PSeca, Ribó, Rus, Sabu2, Salv3, Sende., Sisto, Suevos, Taboa., Tabor., Vala., Valad1, Veste., Viso1, Vixoán e Xeve.

E, por parte, noutras 110 localizacións recollémo-lo *ubre* co xénero masculino tradicional galego [63]. Parece impoñerse, logo, a conclusión de que *ubre* mantén o xénero masculino tradicional e que a atribución de xénero feminino é minoritaria, parcial e inconstante: é dicir, non consolidada. Hai unha última razón: Oroso1 e Oroso2 hai vinte anos recollían *a ubre,* pero hoxe, con maior tempo de castelanización, un informante fiable desa mesma localidade dinos que sempre oíu dicir *o ubre* e que a forma feminina lle resulta estraña; polo tanto a vacilación no xénero de *ubre* probablemente é un trazo persoal ou ocasional máis ben ca local.

1.8.2.1.3. O caso do *leite*

Coa palabra *leite* acontece o mesmo: *leite* aparécenos con marca de xénero en 195 entradas (155 como masculino e 40 como feminino) pero as que están como masculino localízanse en 202 lugares ou fontes escritas [64]. O xénero masculino aparece marcado tamén cando hai adxectivos masculinos que se aplican ó leite (*acadullado, acedo* [65]); ou cando se forman substantivos compostos nos que o adxectivo é masculino (*leite amarelo, leite batido* [66]). Tamén explicitan o xénero masculino certos sintagmas preposicionais (*auga do leite, canada do leite, cima do leite* [67]) e nalgúns destes intervén un verbo (*baixar no leite, cansar do leite, cansar no leite, erguerse do leite, irse co leite, mamalo no leite, secar no leite, valdarse do leite*). Tamén marcan o xénero masculino outros sintagmas verbais nos que o leite é suxeito (*acudir o leite ó ubre, cansa-lo leite* [68]), obxecto directo (*arrea-lo leite, arrocha-lo leite* [69]), obxecto indirecto (*botarlle sopas ó leite*) ou segundo termo de comparación (*aprovecer como o leite fervendo, branco coma o leite* [70]) ou mesmo *caer coma a sopa no leite, derreterse como o gato polo leite, levarse coma o pan e o leite*.

Pola contra, a palabra *leite* con xénero feminino aparece en 40 entradas e 79 localizacións diferentes [71]: (leite) **ácida, *vena da leite, apuxa-la leite* etc.[72]. E esta perturbación do xénero chegou ó cantigueiro e mais ó refraneiro:

---

[63] Son as seguintes: Abe., Agro., Alence., Anca, Anseán, ANV1, Arme., Arzón, Baiñas, Bas., Beman., Buga-N, Burela, Burgo, Caa., Cab., Cadrón, Cam1, Carb3, CarbCo., Carr-C, Casal., Cer., Cervá1, Com1, Com4, Consta., Couce., Cruído, Ctel1, CTui, Culle., Cunt2, Damil, Dum., Eixo, Estr3, Fara., Gaxate, Grixoa, Gro5, Gud., Gui., Lago, Lama, Lava., Laxe, Laxosa., LG, LT2, Lucí, Medín, Meir., Mestre., MGG(Pedrafita), Miñor2, Mira., Mond2, Mond2, Morai., Morga., Neda., Negra., Negral, Neves, Noal, Noice., Nove., Nove3, Oirós, Oroso1, Oroso2, Ortoño, PAre., PAre1, Ped1, Porr., Poulo, Pravio., PSil, Ram., Rama., Randu., Razo, Rib-S, Rus., Sabu2, Sabu3, Samos3, San., Sob., Sofán, Suevos, Taboa., Vala1, Valen., Val-LE, Vcova., Verdía., Vill-O, Viso1, Viso2, Vi-Val., Vixoán., Vviño, XER, Xudán1 e Xun2.

[64] Estas son as claves: Abe., Adelán, Alva., Ancares2, Anseán, Antas3, ANV1, AO2, Aranga, Arroxo, Arzúa4, Baltar, Bar-Co, Bas., Bidu., Bolo, Bolo2, Buga-A, Busta., Caa., Cab., Caban., Cal., Calo, Carbal., Carr-C, Casal., Ced., Cer., Cervá1, Cervá2, Ces., Cod., Com1, Corb., Coto2, Cou3, Couce., CP, Crendes, Cruído, Ctel1, Cubi2, Culle., Cur., DBP, Donís2, Dozón, DRAG2, Dum., Eixo, EMC, ERG, ERQ, Fara., Feás-A, Ferr5, Figue2, Figuei., FMS, Forc2, Forc3, Fre., Fri., Fuxás, Goián, Goián2, Gond., Grixó, Grixoa, Gro1, Gud., Gui., Gun., Incio, JASA, JMP, Lago, Lagoa, Lamas, Lampón, Laxe, LCA4, Leir-A, LF, LG, LimiaB, Lobe., Lous., LP2, LT2, Martín, MCouso, Medín, Meir., Mel2, Melias, Mez., Miñor2, Mon., Mour1, Mra., Muime3, Muíño, MVN, Negra., Negral, Neves2, Noalla, Noalla3, Nove., Oroso2, Oza, Pantón, Parade., Páramo, Parga, Ped1, Ped3, Peno., Per., Per1, Piñei2, Piñor, Piquín, Pont., Porto, Poulo, PSeca, PSil, PUlla, Ram., Razo, Ribe2, Rib-S, Rivo, Rus, Sabu2, Sabu3, Salc2, Sende., Sete-L, Sisán, Sob., Suarna, Tabor., TapiaC, TCha, Teo, Toba, Troán1, Vala., Vala1, Valad1, Vboi., Velle1, Veste., VFrore., Vil., Vilaf., Vill-O, Viso1, Viso2, Vixoán., VLLM, VLQ2, Vmaior., Vviño, Xegunde, XER, Xerdiz, Xeve, XLF, XRMF4, Xudán1, Xun., Xun2, ZM. E a estas hailles que sumar certos casos que no arquivo do ILG se documentan en 209 lugares (outra en 77, outra en 67) e varias nas que o xénero masculino ten tantas que o consideramos común.

[65] E tamén, *anello, apicoado, asorado, atrastallado, bucio, burcio, caldupado, callado, ceibo, coallado, colludo, cortado, cortado, cuallado, cuallao, chifrón, chilro, chirle, chirlo, delgao, enxebro, feito, gordo, macizo, marondo, mazado, mocizo, peso, picado, preso, represo, tallado, testo, tomado, tourondo, trallado, tramado, trastallado, xarondo, xiprón, xiprón, xiripelo, xirón, xiropo*.

[66] E tamén, *leite calostro, leite cegado con fariña, leite costo, leite costre, leite costro, leite costroso, leite cremado, leite feito, leite formigueiro, leite groucho, leite mazado, leite novo, leite peghañoso, leite primeiro, leite tenreiro*.

[67] E tamén, *corda do leite, corda du leite, dente do leite, febre do leite, te-la febre do leite, fonte do leite, larghada do leite, *manantial do leite, pendexos do leite, seca do leite, vaca do leite, vaca do leite sin cría, vea do leite, *vena do leite, vía do leite*.

[68] E tamén, *cortarse o leite, erguerse o leite, irse o leite, levantarse o leite, non valer aínda o leite, perderse o leite, varrerse o leite.*

[69] E tamén *da-lo leite de xatos, da-lo leite sin cría, ergue-lo leite, garda-lo leite, larghar o leite, mamar(lle) o leite unha cobra (á vaca), non da-lo leite, pexa-lo leite, rete-lo leite, saca-lo leite, tira-lo leite*.

[70] E tamén, *medrar coma o leite no lume, ser inchado coma o leite fresco, ter un leite coma un óleo*.

[71] Son as seguintes: Abe., Adelán., Alence, Alla2, Arca, Arme., Arroxo, Baiñas, Baltar, Bar-Co., Barre., Borre., Burgo, Cabal., Caban., Camba., Car2, CarbCo., Carr-G, Cere., Chan., Codeso., Com4, Consta., Conxo, Cou3, Couce., Covas, Ctel4, CTui, Cubi2, Culle., Cunt2, Cur1, Enxame, ERG, Fara., Fózara., Gaxate, Goián2, Grixoa, Guil2., Incio, Laiosa, Laxosa, Lucí, Meira2, Melias, Mondo2, Morga., Negr2, Negra., Noalla, Nove2, Oliv., Oroso1, Ortoño, Pedro., Piñe., PSil, Rama., Randu., Razo, Ribad., Rib-E, Ribe1, Rib-S, Rus, Samos3, Sisto, Suevos, Taboa., Valad1, Valad2, Verdía, Verdu., Viso1 e Vrei. Pero tamén Fol-LE e mais Val-LE.

[72] E tamén, *atrincallada, beica-la leite, callada 2, coallada, corda da leite, corrente da leite, cortada 2, cuallada 3, espesa, febre da leite, fervida, irse a leite, leite 2, leite azulada, leite cortada, leite costra, leite costrosa, leite da zumba, leite ghorda, leite mala, leite nova, leite primeriza, leite viúda, mazada 2, non baixa-la leite, perdida, presa 3, represa, tallada 2, tira-la leite, tomada, traer moita leite, trallada, trastallada, trellada*.

Eres blanca como a leite
colorada como a pez,
tes a cintura de boi,
cara de macho francés.

Vai calando, vai calando,
cara de leite fervida,
paréce-la nosa vaca,
cando está descolorida.

Si queres que a vaca che dé boa leite busca que che paira no coarto crecente.

Pero, se comparamos estas localizacións coas anteriores, volvemos bater co feito de que en 24 das 79 [73] tamén documentámo-lo uso masculino de *leite* noutros falantes.

En conclusión, 155 entradas e 202 lugares ou fontes de información recollen *leite* como masc. fronte a 40 entradas e 79 localizacións que o recollen como fem. pero das que 24 tamén documentan o uso masculino [74]. Isto proba que a forma masculina e normativa é a maioritaria, mentres que a forma feminina de influencia castelá non afecta a tódolos falantes da mesma zona e, polo tanto, é un fenómeno non consolidado.

Máis aínda, se temos en conta que a maior parte dos datos afectados se recolleron antes da existencia da autonomía e que ata ese momento todo canto documento ou información relacionado co seu traballo recibían os gandeiros estaba en castelán, é verosímil que ese xénero feminino en *ubre* e en *leite* fosen unha castelanización que afectou persoas pero non zonas xeográficas e que mesmo recuase ó aparece-la lingua galega na documentación gandeira, na escola e nos medios de comunicación.

1.8.3. As cuestións do número

O normal en lexicografía é lematiza-las palabras en singular, non sendo que se usen unicamente en plural. O habitual neste traballo é tamén lematizarmos en singular e indicar que se *usa tamén,* ou *máis,* ou *só en plural* pero, sen excluír neste caso, que nalgures se poida usar tamén noutro número [75]. Nalgúns casos como *ósos da testa* (5071) lematizamos en plural porque así o recollemos referido ó conxunto; pero, neses casos, a indicación *úsase máis en plural* indica expresamente que tamén é posible o uso singular.

Hai nisto dous tipos de casos. O primeiro son aquelas palabras que nos chegan en plural porque designan realidades que son naturalmente duais (*pulmóns ~ liviáns ~ asaduras ~ bailantes*; *cornos*; *verrugas* ("ovarios"), *rens - riles* ou mesmo plurais (*verros ~ vérragos ~ barros, espullas, medras, sapos ~ piollos* ("papilas"), *cazcarrias*).

O segundo é o do plural que designa unha zona do corpo ou un órgano: *agullas, cuartos de atrás, cadrices, costas, ombros, leitugas; entrañas [76], libracións ~ quitas ~ parias, liras, miolos* e similares.

Aínda que practicamente en tódolos casos é posible o uso do singular, na práctica gandeira tradicional esas palabras úsanse en plural e por iso o consideramos plural, pero ben entendido que a lingua admite o singular [77]. Nos casos nos que a forma plural se afasta da normativa indicamos cal é: así en *mamón* indicamos qué fontes fan o plural como *mamóns,* pero tamén cales o fan como *mamós, mamois, mamoes* e *mamones.*

1.8.4. Ortografía e fonética dialectal

Manexando estes volumes de información, calquera bota de conta o problema que representa organizar datos que chegaron a nós en ortografías heteroxéneas por responderen a unha total improvisación persoal ou por responderen a concepcións antitéticas coma as etimoloxistas (de Aníbal Otero) e as foneticistas (de

---

[73] Son estas: Abe., Adelán., Arroxo, Baltar, Bar-Co., Caban., Com4, Cou3, Couce., Ctel4, Cubi2, ERG, Fara., Goián2, Incio, Melias, Negra., Noalla, PSil, Razo, Rib-S, Rus, Valad1 e Viso1. Un exemplo desta vacilación sería Cou3: *Branca como o leite* (Cou3:19). *Algo así pode ser dito da manteiga e da leite. Ista é mesta, marela, de moita mantencia* (Cou3:21). *Tampouco hai moitos queixos de leite de vaca, e os poucos que se ven son ruís. Eu coido que non os saben faguer, pois a leite non pode ser millor"*(Cou3:20). Outro é que Viso1 e Viso2, o mesmo lugar, dan información contraditoria cando un anota *leite cortado* e o outro *leite cortada.*

[74] ERG lematiza sempre *o leite* pero tamén unha vez *leite fervida.*

[75] Con posterioridade á finalización da entrada de datos apareceron dicionarios e mesmo o *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina que nalgún caso documentan formas que nós non tiñamos. Así, coa axuda desta ferramenta, documentámo-lo uso de *asadura* en singular que nós antes non detectaramos.

[76] En Cam1 usan o sing. *entraña* para referirse exclusivamente ó diafragma.

[77] Do mesmo xeito, tamén se pode falar dun corno (e así o lematizamos) pero cando se alude á inclinación dos *cornos,* fálase dos dous cornos e, neses casos, o habitual é referirse a esas realidades conxuntamente, en plural. Falando dos vérragos e das cazcarrias o número de informantes do arquivo do ILG que dan a forma plural son 209 e 214 respectivamente mentres que só 9 e 4 respectivamente dan a forma singular. E, se alguén dixer que a pregunta se formulou en plural (*¿como se chaman os quistes de tabáns ~ as bólas de bosta...?*), diremos que o propio colector xa estaba pensando en plural, co que a cuestión é a mesma.

Constantino García). Coidamos facer un servizo ó lector poñendo un pouco de orde en tantas grafías distintas. A nosa norma foi seguir con toda a fidelidade posible a ortografía actualmente vixente da lingua galega.

Reiteramos que este non é un traballo de lexicografía normativa senón de etnolingüística. Polo tanto, respectando as convencións ortográficas vixentes, reproducímo-la lingua con toda a variedade que ofrecen as fontes que manexamos (gheada, seseo, *e* paragóxico etc.) alí onde o noso informante ou a nosa fonte *escrita* a recolle, sen prexulgar que allures se usen tamén esas formas dialectais. Podemos dicir que estes fenómenos están presentes maiormente na información procedente do ILG.

1.8.4.1. Cousas do vocalismo

Unha das grandes diferenzas entre o actual galego urbano e o rural, entre o xuvenil e o adulto, entre o herdado e o aprendido radica no vocalismo átono. No galego tradicional o vocalismo átono é tan inestable e variado, que un sistema gráfico que só dispón de cinco signos vocálicos resúltalle imposible reproducilo: en casos coma este, a ortografía, en vez de reproduci-la lingua, acaba modificándoa. Non son moitos os casos de vocalismo átono inestable que aínda chegaron ás fontes escritas que manexamos. E, cando aparece, reproducímolo como testemuño dun estadio da lingua que hoxe se está extinguindo. Así o lector pode encontrar aínda variantes coma *as quitas* e *as quites, quencer* e *cacer, acomodar* e *acomedar, traidora* e *treidora, amamantar* e *amamentar; relón e rilón, rolón* e *rulón* [78].

O *e* paragóxico é outra característica do galego oral. Adóitase ocultalo pero agrádano-lo criterio do *Atlas Lingüístico Galego* (Fernández Rei 1990: I,1,mapa 27, p.95) que consiste en reproducilo cando o encontra, porque "a forma *cantare* non exclúe *cantar* pero esta pode excluír aquela". Nós tamén facemos iso e así se poden ver neste libro casos coma: *acaravillare, agaduñare, anlleare, berrare, broiare, bruare, cotare, escornare, inllare, moscare, mosqueare, romeare, tornare, turrare, sementare, xumentare* etc.

Tamén se detectan casos de probable aférese coma o nome *Landesa* para unha vaca (por *Holandesa*).

A fonética sintáctica fai que o falante aglutine, por veces, o artigo feminino co substantivo, o que nos explicaría voces coma *abelida* (por *a belida*), *arraiga* e *arraigada* (por *a raiga*, e *a raigada*); e disto chegan a nacer dobretes coma *a ubrada* e *a oubrada* e, por veces, o *a* protético en formas coma *asaída, acuberta, amontada, amontar.*

1.8.4.2. Cousas do consonantismo

Na consoante fricativa palatal xorda actual conflúe tamén a correspondente sonora medieval, co que na actual letra *x* conflúen diversas grafías medievais, basicamente *x, j* (e *g +e/i*); entre a grafía de tendencia etimolóxica de Aníbal Otero e as grafías modernas doutros colectores coma Constantino García hai unha total contradición: aquel escribe *moceja* o que este escribe *mocexa*. Como nós non podiamos alfabetizar voces idénticas con ortografías distintas, porque podía resultar innecesariamente confuso, optamos por segui-la ortografía actualmente vixente no galego: un único signo para ese único sonido, en vez dos tres que, por semellanza co portugués, usa Aníbal Otero.

A gheada (aspiración da oclusiva velar sonora) é outro caso de conflito. Este fenómeno fonético afecta á maior parte da Galicia occidental pero moitos colectores de información fíltrana por sistema e non a reproducen nas súas anotacións. Isto provoca dous problemas: o primeiro é que nunha mesma comarca parece haber e non haber gheada; e o segundo, que moitos colectores reproducen a gheada coa letra *j* (a mesma que Aníbal Otero utilizaba para a fricativa palatal). Por se for pouco, a gheada, que é un paso na ben coñecida evolución indoeuropea das consoantes xordas cara á súa elisión (*locu* > *logo* > *logho* > *loo*), no punto en que cadra coa velar aspirada do castelán pode iniciar un proceso novo, consistente en pasar da fricativa velar a unha fricativa palatal (*portucalense* > *portugués* > *portughés* > *portuxés*): deste segundo proceso temos exemplos en variantes fonéticas coma *portugesa, portughesa* e *portuxesa* [79]. Dada a complexidade do caso, nós reproducimos eses trazos dialectais cando os reproduce a fonte que manexamos e, nese caso, optamos por representa-la gheada cun dígrafo que xa ten en Galicia unha certa tradición: "*gh*" (*vaghas*).

---

[78] Semellante pode se-lo caso do estraño *ter more* que significa "endurecerse o ubre da vaca", porque pode esconde-la palabra *tumor* que significa inflamación, que presenta en Galicia na lingua oral variantes coma *tomor*, *temor*, é dicir, que é posible que o informante dixese *temor(e)* e que o colector entendese *ter mor(e)*.

[79] E, se cadra, tamén o son *gorgeira* e *xorxeira*; *mago, magho* e *maxo; galleira, ghalleira* e *xalleira; gancha* e *xancha; pioga ~ pioxa, pioguín ~ pioxín*.

Algunha vez o seseo enmascara parcialmente a relación con outras palabras sinónimas; coma tal *surdar, esquerdar* e *ser esquerda* significan o mesmo ("bota-la vaca os pés cara a fóra ó andar") pero esa sinonimia é máis transparente se sabemos que *surdar* é a forma local seseante de *zurdar.*

As letras be e hache mantéñense vivas por un prurito etimoloxista: o uve pronúnciase como be en todo o territorio lingüístico galego e o hache non se pronuncia nunca. O *Glosario de Voces Galegas de Hoxe,* que ofrece a este traballo moita información, prescindiu deses dous grafemas fonéticamente superfluos. Este audaz e xustificado intento de Constantino García de moderniza-la ortografía nunha liña foneticista non tivo, de momento, seguidores organizados, porque, en xeral, os que pensan así consideran un ben superior a estabilidade e unicidade do código [80].

Pero a realidade é que nas nosas fontes o que predomina neste punto é un caos: o propio Aníbal Otero, etimoloxista, ofrece co mesmo significado *bederión, bederioa* e *vederión, vederioa* e tamén admite *bederiar ~ bedariar* á par de *vederiar ~ vedariar* [81].

Lonxe de toda anarquía, o noso criterio é segui-la ortografía vixente aínda que nalgún caso teñamos dúbidas de cal é a forma correcta [82] ou claramente non nos convenza[83]; así que axeitámo-las grafías e, chegado o caso, indicamos cal é a forma que nos dá o informante: así en *fervón* dicimos: *a nosa fonte escribe 'ferbón'*. E, como no tempo de elaboración deste traballo houbo importantes cambios na ortografía do galego, nunha liña etimoloxista, algunhas das palabras que nós incorporamos modificaron a súa grafía: así as nosas fontes escriben *barudo*, que hoxe se escribe *varudo*; caso semellante é o do dialectal *raventar* por *rabentar.*

A opción de reproduci-las formas dialectais permite encontrar formas coma *anquiacho*, metáteses como *descalidrada* por *descadrilada* ou *bertuculosis* por *tuberculosis,* palatalización do ese inicial coma *sopexar* e *xopesar* ou despalatalizacións coma *baisa-la croca*.

1.8.4.3. Cousas de morfoloxía

A segunda forma do artigo é outro caso peculiar. Como fenómeno de fonética sintáctica dáse en toda Galicia, fóra dun pequeno triángulo ourensán. En consecuencia, aínda que o seu uso non é preceptivo de maneira excluínte [84], reproducímola sempre, non sendo aqueles textos que non a usan e que proceden desa pequena zona ourensá onde ordinariamente non se usa, constituíndo un trazo case dialectal.

Pero practicamente foinos imposible encontrar un texto que se mantivese coherente no uso exclusivo da chamada primeira forma: escritores que a usan por sistema (Castelao ou González Reboredo) presentan non poucas excepcións [85].

1.8.4.4. Outras actualizacións ortográficas

Como nunha monografía deste tipo é imprescindible facer lexible e coherente o que se ofrece, neste libro transcribimos tódolos textos na ortografía vixente. Pero facémolo con tres importantes matices:

- a adaptación ortográfica unicamente afecta a refráns, cantigas, oracións, ensalmos e contos (e tamén algunha narración de autor con evidente carácter popular);

---

[80] Se cadra chegará un día en que unha Galicia máis centrada e menos satelizada revise as vantaxes sociais que se seguirían de suprimir da ortografía galega eses signos inútiles tal como no seu día, dun xeito ou doutro, propuxeron Aurelio Ribalta, Carlos Peregrín Otero ou Constantino García.

[81] Neste caso, aceptando a etimoloxía do propio filólogo lucense (*vereda*), decidimos uniformalo con uve.

[82] Tal é o caso da *cordova,* que escrito *cordoba* fainos pensar na cidade andaluza e tamén na pel de *cordobán*; nese caso escribímola con uve, porque nos parece que debe de estar máis ben en relación co sinonimo *cordovea.* Outro caso dubidoso é a familia dialectal dos *vérragos* ou *verros*: non parece haber dúbida de que tamén se deben escribir con uve variantes coma *várrago, vérraco, vérragho, verreco, vérrecos, vérreghos, vérrigo, verrio, vergo, vergho,verco, esvergo, esvergho* pero xa non parece tan claro que os sinónimos *barros, borrecas, borrenchas* e *burrecos* deban escribirse con uve: algúns deles aparecen no VOLGa con be e, neste caso, escribímolos con be.

[83] Por debaixo do problema do betacismo pode haber problemas derivados dunha interpretación etimolóxica. Moitas das nosas fontes escriben *berroeira* (e diversas variantes dialectais) para designaren a vaca en celo. O VOLGa estimou que detrás desta palabra está o *verrón* e por iso a escribe con uve (*verroeira*); pero diversos informantes relaciónana co feito de que certas vacas en celo ou as que van ó boi e quedan mancadas no útero, acaban tendo os mesmos feitos do boi: urran, bruian, escarvan no chan e mesmo poden saltar muros, tirar con eles ou ter celo diario. ¿Ten sentido que unha vaca que *berra* (por estar en celo) se chame *verroeira*? ¿Ten sentido que teñamos que falar de *esborrecar, esburrecar, esburruar, esburriar* pero de *verrueira* e *vurrueira* para vacas que teñen en común o berrar por estaren en celo? Neste caso parece máis verosímil a etimoloxía de *berrar* pero disciplinadamente decidimos segui-la grafía do VOLGa e lematizar estas palabras respectivamente con be ou con uve e indicar, en caso necesario, que a nosa fonte as escribe doutro xeito.

[84] Non utiliza-la segunda forma, fóra desa zona ourensá, é unha opción que a RAG consideraba preferente cando iniciamos este traballo.

[85] *Antes de chegar ó Meimón meteuse por un atallo cara á casa porque o desexo de abrazar a muller e bicar os fillos sobrepuxaba ás ansias de riqueza. Mais como as mulleres son tan sabichosas, e a del que ó tempo andaba "daquela maneira", antoullóuselle saber o que tiña envolto nun paquetiño. El buscou mil voltas por llo non ensinar, dicíndolle que era un encargo que se non podía ollar, que sequera el mesmo sabía o que era; e ata lle prohibiu que o tocara; mais ela, sen sabelo o home, desenvolveu o paquete e, ó ve-lo queixo, antollóuselle e arrabanoulle unha esquina* (AAN: 15-16).

- respectamos sempre os datos dialectais (coma tal *pideume, pediume, pidiume* en cantigas paralelas [86]) e mesmo os castelanismos das nosas fontes (que neste caso se marcan con asterisco) [87];
- unha nota a rodapé nos refráns, cantigas e contos indica a grafía orixinal, facendo así de aparato crítico;
- nas voces, a grafía orixinal aparece no corpo da entrada.
- nos casos nos que a nosa fonte marca cun apóstrofo as elisións propias da fonética sintáctica, reproducímo-la súa grafía, que intentaba conservar ese importante aspecto fonético (*t'han levar, d'abondo, vel'eí, d'hoxe*); pero actualizámo-la grafía aqueles outros casos que a ortografía oficial xa resolveu cunha aglutinación (*d'o, d'a, d'os, d'as; d'un, d'unha; n-o, n-a> do, da, dos, das; dun, dunha; no, na*).

En cambio, transcríbense textualmente e sen modificación ortográfica ningunha tódolos outros tipos de citas que enriquecen ou apoian as nosas explicacións e mailas citas que se introducen dentro das entradas lexicográficas numeradas.

Finalmente, no capítulo 16 e derradeiro e que é un apéndice estritamente literario, reproducímo-la grafía orixinal do autor, salvando unicamente algunhas erratas evidentes [88] ou actualizando opcións únicas como *pra'ldea* que modificamos en *pr'aldea; sö > só; c.unha > cunha*. En calquera caso indicamos en nota a rodapé as contadas intervencións que nese capítulo facemos sobre o texto orixinal.

1.9. Unha advertencia verbo das definicións e das explicacións

O voluminoso material que aquí aparece organizado está na súa fonte en dúas linguas distintas (galego e castelán) e, ademais, en formatos moi heteroxénos. Tratando de artellar este libro dun xeito coherente, calquera comprende que tivemos que levar a cabo unha uniformación desa heteroxeneidade: nós definimos en galego, aínda que a fonte o faga en castelán [89] e, na medida do posible, axustámo-las nosas definicións ás normas lexicográficas actuais, é dicir, que a 'definición' sexa intercambiable co definido nun contexto no que este se use.

Ora ben, hai casos nos que a nosa fonte máis que definir explica a motivación da voz ou do sintagma en cuestión ou achega algunha observación que permite comprendela: neses casos, non nos pareceu ben que se perdesen esas observacións, así que optamos por engadilas á definición:

- ***picada 2*** [Vaca] que padece hipodermose. A nosa fonte explícao como unha enfermidade do fígado caracterizada por vultos e chagas no lombo.
- ***temor***. Ver TUMOR 3. A nosa fonte explica que "ataca a todo el cuerpo en forma de bulto. Se cura cortandoselo".

Nalgúns casos extremos encontrámonos con denominacións e definicións dificilmente clasificables e, para que non se perdesen, recollémolas como nos chegan dentro do capítulo que nos parece máis verosímil:

- ***catarro ós cornos***. A nosa fonte explica que "produce desvelos al animal".
- ****crudo***. A nosa fonte explica que é "difteria". Ignoramos a que síntomas alude, dado que esa é enfermidade humana. Co nome de *crup* ou *krupp* (e, en castelán, *garrotillo*) designábase hai anos a difteria humana e outras enfermidades das vías respiratorias altas. Recollemos este **crudo* nesta monografía do gando vacún só porque a tal enfermidade está incluída nun cuestionario específico sobre este gando, supoñendo que designará algunha enfermidade respiratoria.

No caso dos refráns recoñecemos que, algunha vez, batemos con material para o que non demos encontrado explicación. Antes que inventarlle unha orixe hipotética, anotámolo tal como o recibimos, á espera de que un lector, que coñeza mellor o medio gandeiro, poida dar coa explicación. Tal é o caso destes refráns *A vaca, que me longha e a éghua que me corta* [90]; *O corpo, da vaca, e ovos, da gata* do que falaremos

---

86 Na epígrafe 9.10.6, referida á herba.

87 Nalgún caso encontramos dúas voces semellantes con diferente grafía: *infectado* (Ben. e Xudán1) e *infetada* (Lucí). Nestes casos mantémo-las dúas entradas, non tanto porque un se refire ó pescozo e outra á xugueira da vaca (que é o mesmo), senón porque unha conserva o grupo *-ct-* e a outra, non.

88 *un cabeza > unha cabeza; estences > estonces; en > eu.*

89 Exceptúanse algúns poucos casos de citas explícitas, coma tal das obras de Aníbal Otero, no *Glosario de voces galegas de hoxe* de Constantino García ou no *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez.

90 Recolleuno Antonio Trigo García en Carballo e anotouno VS4ms29, 76r.

en 4.3.2. e *Mans de ouro e boca de touro* (recollido por Luís Martínez Fernández e anotado por VS4) e *Madrugadores, beatas, cregos e burras do leite* (en 6.6.7.1.).

Algunha vez tamén nos desconcertan outros fraseoloxismos, coma *Xa vendeu e vai na casa*, que veremos en 10.2.

1.10. As nosas localizacións e o seu valor

¿Qué significan e qué non significan as nosas 2.411 claves de fontes de información?

Polo que diximos en 1.5. e sendo este, en boa parte, un traballo de refundición de material xa recollido, a nosa información é voluminosa pero fragmentaria e, así, temos palabras coma *boca, ollo* ou *orella* que ningunha das nosas fontes aplica especificamente ó gando bovino. Nós dámolas como comúns, porque o contrario iría contra a nosa experiencia lingüística.

Pola mesma razón, o feito de que *vaca de corno partido* só nolo rexistren en Grixoa e Medín tampouco quere dicir que iso só se diga neses poucos lugares: as vacas parten os cornos en toda Galicia [91].

O caso contrario é o de palabras que mesmo teñen sinónimos galegos: a excitación sexual dos bovinos aparécenos cos nomes de *aluamento, burruallo, cacheira 1, celo, cío, luado, luardo, pracio, sasón, sazón, toura 8, tourengo, zazón.* Neste caso a palabra *celo* só aparece na locución común *estar en celo* e en *ter celos suficientes* (Noalla3) pero, como tal substantivo co valor de excitación sexual dos animais, só o encontramos en ERG [92]. Nestes casos, non damos esa voz como común senón que nos limitamos a indicar onde a rexistramos con ese significado, o que non prexulga que non se poida rexistrar noutros puntos nin que mesmo poida tratarse dunha voz practicamente común. Casos parellos a estes son os de *vulva, pene* ou *xugular* que non aparecen nos dicionarios ata ERG, como xa diximos.

En consecuencia, as nosas localizacións indican simplemente que a palabra que ofrecemos está viva onde nós a localizamos ou que o estaba no momento en que o colector a recolleu. Pero ninguén debe deducir dos nosos datos que esa mesma voz non se poida rexistrar noutros lugares nos que nós non a mentamos. Poñeremos dous exemplos claros tamén aquí. A *ceruda* é planta da que na Gudiña (Gud5) nos din que se utiliza para curar feridas no pezuño; o *colar* é a correa de coiro que cingue o pescozo da vaca e da que se pendura a choca; nós localizámola no sur de Ourense (ERQ3, Friei., Gud5) e, aínda que esta palabra está viva noutros lugares, só alí temos certeza documental de que se aplica á correa que cingue o pescozo das vacas. Polo tanto disto non se debe deducir que a Gudiña sexa o único lugar de Galicia no que a ceruda se utiliza con esta finalidade nin que nos outros lugares non se aplique o nome de *colar* para esa mesma función: simplemente non o podemos certificar.

Verbo disto aínda queremos engadir algo. Algunhas das nosas fontes utilizan informacións anteriores: así, Gud4 e Gud5 aproveitan e citan algunhas informacións de colectores anteriores como Laureano Prieto (para nós, LP3 e Gud7) ou Ester Vázquez (para nós, Gud.). Nestes casos a norma que seguimos, salvo erro, é a de citar unicamente a fonte orixinal, se temos acceso a ela. Pero, se a información a recollen no mesmo lugar dous informantes e ningún dos dous cita o outro, entendemos que é información recollida independentemente polos dous (caso de palabras como *bostarega, bruiar* ou *despuntada*) e, nese caso, citámo-los dous: Gud e Gud 5.

Cando unha entrada cun significado unívoco é común a moitos lugares (para o que nos marcamos un límite de 35) e comprobamos que se expande uniformemente por toda Galicia, renunciamos a elencar tódalas localidades nas que esa voz se rexistra e indicamos que é voz *común.* Só nalgún caso, e como referencia, indicámo-lo número e a distribución por provincias dos datos do arquivo do ILG. Así cando localizámo-la primeira acepción de *mamotes* dicimos:

- *Común. ILG:98 (C:55, LU:11, OU:6, PO:26).*

o que quere dicir que nos datos recollidos ó final dos anos 60 polo ILG rexistrábase en 98 lugares, dos que 55 pertencían á provincia da Coruña, 11 á de Lugo, 6 á de Ourense e 26 á de Pontevedra.

---

[91] O mesmo se pode dicir de *boca* que só nos aparece como "boca de vaca" en Guil2 e en Sete-L; de *dentes* que só aparece en Sisán, Troán1 e Medín; de *golpe* que só rexistramos en Culle. ou de *carne fresca* que só vemos en ERG.

[92] Unha explicación desta incoherencia pode estar en que a pregunta do cuestionario era "ponerse la vaca en celo" e isto previsiblemente actuou como eliminador daquelas respostas que contiñan a pregunta: deste xeito aparece involuntariamente excluída a posibilidade de rexistra-la palabra *celo.* Casos semellantes son o de *embestida* que só rexistramos en Gro1; o de *penicilina* que, aínda sendo obviamente común, non o rexistramos máis ca na forma *penecilina* en Cur.; o de *berrar* e *berro,* voces comúns a toda Galicia, mentres que *dar berros,* que tamén debería ser común, non o localizamos máis ca en Parade. Do mesmo xeito *esborrecar* ten 18 informantes, mentres que *esborreco* só ten 2 e *dar esborrecos, 1*; e *muar* (17 informantes) fronte a *muada* (1), *dar muadas* (1), *múo* (1) e *dar múos* (1).

Unha última palabra sobre as fontes. Este libro foi concibido e realizado na súa maior parte cando aínda non existía a potente ferramenta informática creada por Antón Santamarina, que hoxe nos permite acceder a case trinta dicionarios de maneira instantánea [93], convertendo a acumulación de datos nun simple copiar e inserir; nin existían tampouco os grandes córpora medievais. O Frampas III consultámolo no DdD e outras veces serviunos para contrastar información e conceptos. Pero case todo foi feito pola vella e, se cadra, este é o último libro feito co proceso tradicional, á man.

Con todo, na última hora a irrupción de cinco córpora importantes permitiunos redondear certas explicacións. Así cando citamos fontes documentais medievais, utilizamos para o latín (maiormente en toponimia) o CORPVS DOCVMENTALE LATINVM GALLAECIAE (CODOLGA) do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades; para a lírica profana medieval é a BASE DE DATOS DA LÍRICA PROFANA GALEGO-PORTUGUESA (MedDB) do mesmo Centro; e que algunha vez tamén para outros textos galegos medievais en prosa utilizámo-lo TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TMILG) do Instituto da Lingua Galega. Máis dunha vez o TESOURO INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TILG), tamén do ILG, permitiunos recuperar unha cita perdida. E algunha vez tamén consultámo-lo CORPUS DE REFERENCIA DO GALEGO ACTUAL (CORGA) do Centro Ramón Piñeiro. Aínda que este libro dependa, polo que se dixo, moi pouco destes grandes córpora (quizais coa excepción do CODOLGA), prácenos deixar constancia de que os equipos de filólogos que hai detrás de cada un deles son exemplo da filoloxía de vangarda que hoxe se fai en Galicia. E a todos eles manifestámoslle a nosa gratitude. Gardamos tamén memoria agradecida por diversas aclaracións a Gonzalo Navaza e, sobre todo, a Manuel González González, coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro.

Igualmente agradecémo-la cesión de imaxes a Gonzalo Allegue e a Editorial Nigra, Alfredo Erias, Facultade de Veterinaria de Lugo, Vicente Feijoo Ares, Editorial Galaxia , José J. Fdez. Morgado, Giovanni Lattanzi, Xurxo Lobato, Siro López Lorenzo, Museo Provincial de Lugo, Museu de Prehistòria de València, peirao.com, Peter Popesko e a Editorial Salvat, César Portela, Xosé Rodríguez Cruz, Manuel Rodríguez Troncoso, Juan Rúa, Carlos Sánchez Montaña, Ternera Gallega, Luís Vázquez Pérez, Pierre Vignaud e as Éditions Cairn, Wikipedia e cantos dun xeito ou doutro nos facilitaron algún tipo de información, solucionaron dúbidas ou concretaron datos.

1.11. Abreviaturas usadas na parte léxica do libro

adx.	adxectivo
arc.	arcaico
col.	colocación
desp.	despectivo
euf.	eufemístico
fam.	familiar
fig.	figurado
fórm.	fórmula
humor.	humorístico
irón	irónico
loc. adv.	locución adverbial
loc. adx.	locución adxectiva
loc. s.	locución substantiva
loc. v.	locución verbal
meton.	metonímico

pl.	plural
poét.	poético
pop.	popular
prnl.	pronominal
s. comp.	substantivo composto
s. f.	substantivo feminino
s. m.	substantivo masculino
Ú. c. t. e prnl.	úsase como transitivo e pronominal
Ú. m. en pl.	úsase máis en plural
Ú. t. c. adx.	úsase tamén como adxectivo
Ú. t. c. prnl.	úsase tamén como pronominal
Ú. t. c. s.	úsase tamén como substantivo
Ú. t. en pl.	úsase tamén en plural
v.	verbo

[93] *Dicionario de dicionarios* de Antón Santamarina [http://sli.uvigo.es/ddd/index.html]

Capítulo 2. EXTERIOR

Capítulo 2. EXTERIOR

2.1. Determinación da idade no gando vacún

Dende que en 1998 se impuxo o DIB (*Documento de Identificación Bovina*), este sistema de identificación obrigatoria do gando vacún acompaña cada animal dende o momento do seu nacemento ata a súa morte, sexa natural, accidental ou sacrificado no matadoiro. Co DIB xa se sabe o día exacto do seu nacemento. Verémolo en 2.4. Pero ata ese momento a idade do gando determinábase mediante o exame de certos elementos que experimentan cambios visibles ó longo da vida: maiormente os dentes, pero tamén os cornos, os pezuños e, nos becerros de poucos días, o embigo. De Caritel é este caso:

> *A meu pai chamábanlle O Cego* [1]*, porque quedara cego ós tres anos por cousa das vexigas; pero era o manciñeiro da máxima confianza en toda a redonda, mesmo dalgún veterinario. Cando lle traían unha vaca, el o primeiro que facía era palparlle os cornos para lle sabe-lo tempo que tiña* (Ctel1).

Xa veremos en 2.3.10. que isto hoxe considérase un carácter pouco fiable para a determinación da idade, porque é frecuente poder ver sucos ostensibles, irregularmente distribuídos, debidos a enfermidades, transtornos da alimentación, alteracións da fecundidade etc. O mesmo acontece coas modificacións tamén anuais que se poden observar no medrío dos pezuños, polo que nin os cornos nin os pezuños poderán nunca substituí-lo exame da dentición.

En calquera caso os gandeiros son verdadeiros expertos en atinaren coa idade do animal só con lle miraren a boca.

En primeiro lugar temos que clarexar que a boca está limitada superiormente polo maxilar superior e inferiormente polo maxilar inferior. Aquel é un óso par, o que quere dicir que hai un maxilar superior dereito e un maxilar superior esquerdo. O maxilar inferior é un óso impar, único, tamén chamado mandíbula ou queixada. Pero a denominación de *mandíbula superior* e *mandíbula inferior* está estendida a tódolos niveis, mesmo profesionais na fala coloquial.

Outra observación que debemos facer é que *dentes* son tódalas pezas dentarias, entre as que diferenciamos funcional e anatomicamente os incisivos, os canteiros, os premolares e os molares. Aínda así, na fala común identifícanse dentes con incisivos, tendo en conta tamén que, como xa explicaremos, nos bovinos tampouco se distinguen os canteiros, e non se fai distincións entre premolares e molares. Por iso fálase de *dentes* e *moas*. Na explicación que segue debe terse en conta, logo, que cando falamos de dentes estámonos a referir ós dentes incisivos, salvo maior precisión.

---

[1] Foi o pai do noso informante Ctel1 (xa morto) e o avó de Ctel12.

Os bóvidos teñen dentes incisivos só na queixada mentres que no maxilar superior atopamos un rodete fibro-cartilaxinoso, cunha mucosa fortemente cornificada. Teñen seis incisivos e dous canteiros, mais como estes están a continuación daqueles, en fila cos mesmos e morfoloxicamente son iguais, consideraremos que teñen oito incisivos. Os nomes que reciben son os seguintes:

- Pas ou *palas*
- Primeiros medianos ou medianos internos
- Segundos medianos ou medianos externos
- Extremos (que serían realmente os canteiros)

A dentición de leite ou caduca está formada por pezas máis pequenas ca no caso da dentición permanente, o que se comproba doadamente na época en que cadra a habe-las dúas clases de dentes no mesmo individuo. A cara interna dos dentes de leite é máis cóncava e a externa pouco ou nada estriada.

O nome de *palas* élle certamente un nome apropiado. Estes dentes, sobre todo os permanentes, teñen efectivamente a forma dunha pequena pa, na que o mango sería a raíz do dente e a parte ancha da pa sería a parte externa do dente. Polo que temos recollido, esta denominación aplícase normalmente ós oito dentes e non só ós centrais.

Os molares son 24 no animal adulto: 12 en cada arcada e 6 a cada lado, tres caducos ou premolares e tres permanentes ou molares.

A fórmula dentaria completa é a seguinte [2]:

$$\text{- De leite: } 2 \times \frac{0I\ 0C\ 3P}{3I\ 1C\ 3P} = 20 \text{ dentes}$$

$$\text{- Permanente: } 2 \times \frac{0I\ 0C\ 3P\ 3M}{3I\ 1C\ 3P\ 3M} = 32 \text{ dentes}$$

Para a determinación da idade aténdese ós incisivos, porque os molares só nos van da-lo dato da súa erupción e ademais a súa observación é moito máis difícil.

A orde do nacemento dos incisivos para as dúas denticións -de leite e permanente- é a seguinte: pas, primeiros medianos, segundos medianos e extremos. Os incisivos de leite adoitan estar xa presentes no momento do nacemento do becerro e normalmente substitúense polos permanentes dous a dous.

O crecemento dos dentes tende a igualalos e emparellalos, dicíndose que *teñen a boca feita* cando tódolos dentes permanentes chegan a emparellar.

O desgaste do bordo libre dos incisivos iníciase tamén nas pas e remata nos extremos. Este bordo pasa a ser romo e recto, fenómeno que se denomina *igualamento*. Despois segue a desgastarse a cara lingual dos incisivos ata quedar ó descuberto o marfil rodeado polo esmalte: *enrasamento*.

2.1.1. Cronoloxía da dentición

Os gandeiros saben por experiencia que os máis dos becerros nacen xa cos oito dentes de leite, as pas máis saíntes cós medianos e estes máis cós extremos. En calquera caso, ó mes de vida xa están presentes tódolos incisivos.

Ós tres meses de idade tódolos incisivos teñen a mesma altura. A arcada dentaria é redondeada e convexa e co bordo cortante.

Ós 4-5 meses comeza a desgastarse o bordo dos dentes, que vai facéndose romo, e aparece o primeiro premolar.

Ós 6-10 meses procédese ó enrasamento dos dentes, que non remata ata os 18-20 meses. Outro detalle de importancia nesta idade é o descubrimento do colo dos incisivos sobre o bordo xinxival.

Ó redor dos 18 meses aparece o segundo premolar.

[2] A fórmula dentaria representa -en forma de fracción- o número e tipo de pezas dentarias por cada hemimandíbula, indicándose no numerador os incisivos, caninos, premolares e molares da hemimandíbula superior, e no denominador as mesmas pezas da inferior.

Ós 18-24 meses caen as pas de leite e nacen as permanentes. A partir deste momento (o nacemento das primeiras pinzas permanentes) deixa de considerarse becerro e pasa a ser xovenco.

Entre os 24 e os 30 meses caen os premolares de leite e nacen os permanentes. O primeiro premolar é o máis serodio.

Os primeiros medianos permanentes nacen ós 32 meses e emparellan ós 3 anos. Ós 40-42 meses nacen os segundos medianos, que emparellan ós 4 anos. E os extremos definitivos nacen ós 4 anos, momento no que xa pode falarse de boi ou vaca adultos, e emparellan ós 5 anos. Fálase xa de *vaca cerrada*. Simultaneamente ó nacemento dos incisivos permanentes comeza o seu desgaste, de forma que ós 5,5-6 anos tódolos incisivos están tallados no seu bordo libre, en senso decrecente das pinzas ós extremos.

A partir dos 6 anos o desgaste dos incisivos acada a súa cara lingual e pode verse xa claramente o marfil rodeado da capa de esmalte. A *estrela dentaria* aparece ós 7 anos e a súa forma serve para indica-la idade a partir deste momento.

A partir dos 11 anos os dentes comezan a separarse uns dos outros e o desgaste vai producindo unha clara diminución do seu tamaño.

Comeza a considerarse como *vaca vella* cando chega ós dez anos de idade, aínda que poden vivir, se se lles deixase, ata os 15-25 anos, máis nas razas rústicas que nas seleccionadas. A Asociación Nacional de Criadores de Raza Rubia Galega estima unha lonxevidade media de 21 anos.

		Pinzas	1º Med.	2º Med.	Extremos
Incisivos de leite	Erupción	Nacemento	Nacemento	Ó mes todos	
	Igualamento	4-5 meses	4-5 meses	5-6 meses	5-6 meses
	Rasamento	12 meses	14 meses	16 meses	18-20 meses
Incisivos permanentes	Erupción	18-24 meses	30-36 meses	36-42 meses	36-48 meses
	Igualamento	3,5 anos	4 anos	4,5 anos	5,5 anos
	Rasamento	7 anos	8 anos	9 anos	10 anos

Hai que ter en conta de tódolos xeitos que o desgaste dos dentes (e polo tanto as datas que nós ofrecemos aquí) pódese ver influenciado por factores alleos á idade do animal que estamos a examinar, como a raza (razas precoces ou non) ou o tipo de alimentación (pastos ou penso).

Os cornos medran durante toda a vida do animal en forma ininterrompida, lenta e uniforme, pero coa particularidade de sufriren variacións na intensidade do crecemento durante determinadas épocas, que cadran con fases de plétora nutritiva e que se traducen en modificacións da lonxitude, estrutura, color e dirección, datos que poden ser aproveitados para o coñecemento da idade.

Ademais dos datos proporcionados pola lonxitude do corno fixarémonos nos aneis ou estrangulacións que aparecen no rodete, na base do corno. O crecemento anual das sucesivas capas de queratina deixa uns rebordos pouco marcados que indican os anos que van pasando, se ben ata os tres anos de idade difumínanse e bórranse doadamente. A partir dos tres anos cumpridos, os aneis quedan claramente definidos polo que a idade do animal será a cifra obtida sumando 2 ó número de aneis que teña. As flutuacións fisiolóxicas do metabolismo debidas á xestación son tamén causa de formación destes aneis, polo que nas vacas reprodutoras pódese facer corresponder cada anel cunha xestación, é dicir, algo máis ca un ano de vida [3].

1 **cabo** *s.m.* Canino, último dente da arcada dentaria. Úsase nas locucións *estar de cabos*, *estar de medias e cabos*. (Pantón, Parade., Piñe., Sete-L, Veste.).

2 **chavello 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver DENTELLO /5. (ERG).

3 **dentaxe 1** *s.f.* Dentamia. (Xun2).

4 **dente 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Peza ósea externa da boca que se usa para a mastigación. En Sisán, Troán1 e Medín tamén usan a palabra *dentes* para designar especificamente os dentes de leite. (Borre., Casal., Cervá2, Guil2, Lagar., Morai., Mour1, Sete-L, Teo, Valad1).

5 **dentello** *s.m. Ú. m. en pl.* Dente mal feito. (ERG).

6 **media** *s.f. Ú. m. en pl.* Segundo ou terceiro par de incisivos da arcada dentaria. *A becerra está de medias e cabos*. (Piñe.).

7 **medio** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos primeiros dentes que lle saen á vaca. (Neda).

8 **moa** *s.f.* Peza dentaria de maior tamaño cós incisivos e situada detrás destes, en número de seis en cada hemimandíbula. (ERG, Morai.).

[3] Segundo a Asociación de Criadores de Rubia Galega, o intervalo entre partos é, como media, de 409 días.

9 **pa 4** *s.f.* Parte ancha e plana dos dentes incisivos. (ERG).

10 **paleta 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada un dos dous dentes incisivos centrais cando son anchos e longos. (ERG).

11 **dente de atrás** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Moa. Aplícase indistintamente ó molar ou ó premolar. (ERG).

12 **dente femia** *s.comp.m.* Cada un dos dentes do segundo e terceiro par de incisivos ou dos caninos que, no gando vacún, sempre son máis pequenos có primeiro par, tamén chamado *dentes machos*. A. Otero (Piquín) di o seguinte: "Hablando de la dentadura del ganado vacuno o caballar, aplícase al diente que es aplanado, blanco y de mayor duración que el *macho*". Tamén LG o define como "dentes planos e brancos". Ctel1 e Cam1 dannos unha característica complementaria: que o *dente femia* é o dente de tamaño menor có *macho*. (Cam1, Cer-P, Ctel1, LG, Piquín).

13 **dente macho** *s.comp.m.* Dente do gando vacún e cabalar. A. Otero (Piquín) di o seguinte: "Hablando de los dientes, dícese que *ten dente macho* clase de dentadura en el ganado vacuno y caballar, más redondo y amarillo y de más duración que el de *femia*". Tamén LG os define como "dentes redondos e amarelentos". Nótese a contradición que A. Otero expresa, dándolle nos dous casos maior duración tanto ó *dente macho* como ó *dente femia*. Ctel1 e Cam1 dannos outra característica complementaria, cando nos informan de que o *dente macho* é de tamaño maior có *dente femia*. O informante de Camariñas, tratante de profesión, explica que unha vaca con dente macho pode pasar por unha vaca cerrada de pouco, e véndena como tal. (Cam1, Cer-P, Ctel1, LG, Piquín).

14 **chavelleiro 2** *adx. Ú. m. en pl.* [Dente] moi grande e desproporcionado. Tamén se aplica ó dente ou dentes das persoas que os teñen grandes e desproporcionados. (ERG).

15 **femia** *adx. Ú. m. en pl.* [Dente] anormalmente pequeno. (Ctel1).

16 **grande 2** *adx. Ú. m. en pl.* [Dente] de tamaño normal en oposición á dentamia anormalmente pequena, tamén denominada *dentes femias*. (Ctel1).

17 **despechar 3** *v.* Botar [un bovino] os primeiros dentes, tamén chamados *mamotes* ou *mamelas*. (LG).

Farruquiño de feira [4]

Farruquiño quer comprar unha xuvenca e para comprala vai á feira.

Xa sabemos de antigo [5] que o consultor de Farruquiño é o maestro da parroquia, e xunto del [6] se foi Farruquiño.

- Mira, Farruquiño: o prencipal dunha peza disas [7], é que teñan boa boca. Sin ter bos dentes, non pode comer ben, e sin comer ben, non pode engordar.

- ¡Xa lle entendo! ¡Xa lle entendo [8]! respondeu Farruquiño.

E xa estruído [9], alá se foi á feira Farruquiño.

Farruquiño veu unha xuvenca que lle viña ó xeito, chegouse a ela, miroulle a boca e deixouna.

Veu outra que tamén lle axeitaba, miroulle a boca, e tamén a [10] deixou. E o mesmo lle pasou con outras máis [11].

Farruquiño, como home prudente, miraba, vía e calaba; e ó cabo das contas, resolveu irse sin comprar.

Cando iba de volta, Farruquiño, tropezou co maestro.

- ¿E non comprache, Farruquiño?

- ¡Que había comprar! ¡Que había comprar [12]!

- Logo ¿non topache ningunha de xeito?[13]

4 GB1:160-161.

5 No texto*: d'antigo*.

6 No texto*: d'él*.

7 No texto: *d'unha peza d'isas.*

8 No texto: *ll'entendo.*

9 No texto*: estruido*.

10 No texto*: tamen-a*.

11 No texto*: mais*.

12 No texto: *Qu'había comprar.*

13 No texto: *Logo: ¿non.*

- Como topar, topei, topei; pero mire [14] *¡anque lle fora o demo! De cantas mirei, ningunha, nin por milagre, lle tiña dentes de riba.*

2.1.2. Os dentes de leite

Xa dixemos que, ó naceren, os becerros xa mostran tódolos dentes de leite, aínda que nun grao desigual de desenvolvemento (as pas son máis grandes cós medianos; e estes máis cós extremos). Nunha pequena porcentaxe de exemplares, os extremos nacen posteriormente, pero sempre antes de cumpri-lo mes de vida. Ós tres meses, máis ou menos, o desenvolvemento dos incisivos remata e xa os oito dentes son practicamente iguais.

18 **leitón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver DENTE DE LEITE /39. A nosa fonte indica *leitós* como plural. (Gui.).

19 **mameiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver DENTE DE LEITE /39. (MCouso, Ram.).

20 **mamela** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MAMOTE 1 /26. (LG).

21 **mamete** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver MAMOTE 1 /26. (Callo.).

22 **mamiño 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver MAMOTE 1 /26. (Noal, Sisto).

24 **mamón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver MAMOTE 1 /26. A nosa fonte indica *mamóns* como plural. Alence escribe *mámoes* que nos fai pensar nun singular improbable *mamon*. (Abe., Alence, Anseán, Arzón, Baíñas, Baña2, Bas., Borre., Buga-N, CTui, Cam4, Cang3, Casal., Corb., Cruído, Dum., Estr4, Goian2, Guil2, Lampón, Lous., Lucí, Macei., Miñor2, Morai., Negr2, Neves2, Nive., Noal, Oliv., Oroso2, Oza, Pal., Razo, Ribe1, Scomba, TapiaC, Valad1, Valad2, Vilaf., Vnova, XER).

25 **mamota 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MAMOTE 1 /26. (Carr-C).

26 **mamote 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Dente de leite. (Común. ILG:98 (C:55, LU:11, OU:6, PO:26)).

27 **mamote 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos dous primeiros dentes que lles saen ós becerros e outros animais que aínda maman. (ERG).

28 **mamudo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver MAMOTE 1 /26. (Com1, Lava.).

29 **mansote 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver MAMOTE 1 /26. ERG aplícao ós primeiros incisivos dun becerro. (ERG, LG).

30 **marmote** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver MAMOTE 1 /26. (Com1, Com4, Taboa.).

31 **momote** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver MAMOTE 1 /26. (Sende.).

32 **pacedoiro 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver MAMOTE 1 /26. *Xa cambiou os pacedoiros, ten dous anos*. (Dozón).

33 **palleta 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PALLETE 1 /34. (LG).

34 **pallete 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos primeiros dentes do becerro, que nacen despois dos mansotes. (ERG).

35 **teta 3** *s.f. Ú. m. en pl.* A nosa fonte presenta con toda claridade esta denominación para "dente de leite". (Arme.).

36 ***pala 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Pa, cada un dos dentes incisivos do becerro. O noso informante de Paradela especifica que se trata dos dous dentes incisivos centrais: *cando lle can os dous* [dentes] *primeiros do meio, chamados 'palas'* (Parade.:277). (Común: Abadín, Alence, Amandi, Arroxo, Arzón, Baltar, Baña2, Ben., Bolo, Buga-N, Burela1, Burgo, Burón, Caa., Cab., Car2, Carño2, Ced., Com1, CTui, Cubi2, Fara., Gud., Lago, Laxe, Lous., Macei., Meir., Melias, Mez., Mira., Mondo1, Mondo2, Neda, Noalla, Oliv., Parade., Ped1, Peno., Pravio, PSeca, Rábade, Randu., Razo, Rendal, Rib-S, Ribó, Samos3, Suarna, Tabor, Troán1, Vala1, Val-LE, Valen., Vedra, Verdu., VFrore, Vill-O, Vrei., Xudán1).

37 **dente d'adiante** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos primeiros dentes que lle saen á vaca. A nosa fonte escribe *dentes da diante* (Sisto).

38 **dente da mama** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver DENTE DE LEITE /39. *Segundo o tempo que teñan as reses, poden estar cos 'dentes da mama' ou 'do leite', 'de meia boca', 'de canteiros' ou 'de cabos' e 'pechos' ou 'pechados'* (Parade.:277). (Amandi, Bar-Co., Busta., Dis., Frei., Gui., Incio, Morga., Mosen., Parade., Rama., Randu., Sabu3, Salv3, Samos3, Veste., Vixoán., Xun., Zamáns).

39 **dente de leite** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos dentes incisivos, caducos, que teñen tódolos mamíferos na súa etapa de lactantes. O noso informante en Melias recólleo con xénero feminino: *dentes da leite*. (Burela1, ERG, Melias).

40 **dente de lume** *s.comp.m.* Cada un dos dous dentes incisivos centrais. (Ctel1).

41 **dente de lleite** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver DENTE DE LEITE /39. (Vill-O).

42 **dente do leite** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver DENTE DE LEITE /39. (Caban., Cubi2, Negral, Parade., Rus, Tabor., VFrore.).

43 **dente do lume** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver DENTE DE LEITE /39. (Piñei2).

44 **dente leiteiro** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver DENTE DE LEITE /39. (Camba).

45 **dente mamón** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver DENTE

[14] No texto: *pero; mire*

DE LEITE /39. Cfr. *mamón*, como substantivo. As nosas fontes recollen o plural *dentes mamós* (Gui., Meira2, PSil) e *dentes mamones* (Carr-C, Fózara). (Carr-C, Fózara, Gui., Meira2, PSil).

46 **dentiño (de leite)** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos primeiros dentes que lle saen á vaca. (Baíñas).

2.1.3. Os dentes permanentes

A dentición definitiva vaise formando por baixo dos dentes de leite e exerce unha presión constante sobre eles. Esta presión remata por atrofia-los vasos sanguíneos que alimentan os dentes e, pouco e pouco, os dentes de leite vanse soltando das enxivas ata caeren expulsados polos dentes permanentes que veñen medrando debaixo. Ós poucos días de caeren, saen os permanentes ó exterior.

Esta substitución da dentición de leite pola permanente é un proceso lento e progresivo que comeza entre os 18-24 meses, idade na que caen as pas de leite e nacen as permanentes e que fixa a transición de becerro a xovenco. O resto das pezas vanse substituíndo progresivamente ata o nacemento dos últimos extremos, cousa que sucede contra os catro anos, momento no que xa pode se falar de boi ou vaca adultos.

47 **canteiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos últimos dentes permanentes da arcada dentaria dun bovino, os últimos en saír. (Ben., Com1, Com4, Parade., Vilaf.).

48 **pa 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada un dos primeiros dentes incisivos, xa permanentes, que lles nacen ás xovencas. ERG defíneo como "lo ancho y plano de los dientes incisivos". É unha denominación lóxica, xa que estes dentes teñen feitura de pa, estreitos embaixo e anchos e con remate plano enriba. (Cab., Ced., ERG, Gond., Gun., Negral, Oirán, Parga, Per., Per1, Ribe1, Vilaf., XER).

49 **paleta 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PA 3 /48. (Cab., Ced., Corb., Dúas, Leir-A, Ribe1).

50 **paleto** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PA 3 /48. (Nove2).

51 **palleta 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PA 3 /48. (Común: Anca, Antas3, Barre., Cabal., Carb3, Cast., Ces., Chan., Codeso., Com1, Consta., Crendes, Culle., Cur1, Dis., Dum., Feás-A, Figue1, Gui., Incio, Laiosa, Lañas, Lava., Laxosa, Lendo, Lestón, MCouso, Medín, Mel1, Negral, Noice., Pade., Pal., Pantón, Parade., Pedro., Piñe., Poulo, Razo, Samos3, San., Santi., Sob., Sofán, Suevos, Taboa., Vala1, Veste., Vilar, Vixoan., Vviño.).

52 **picho** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos dentes laterais das vacas. (Mel1).

53 ***pala 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PA 3 /48. A nosa fonte en Fre. recolle o diminutivo *paliñas*. (Fre., Gud5).

54 **dente cabeiro** *s.comp.m.* Ver DENTE DO CABO /55. (Ctel1, Salv3).

55 **dente do cabo** *s.comp.m.* Cada un dos últimos dentes (caninos), que lle saen ós bovinos ós cinco anos. (Ctel1).

56 **dous dentes** *loc. s.* Primeiros dentes permanentes que lle saen á vaca e que marcan o paso de becerra a xovenca. A nosa fonte escribe *dos dentes*, en Bas. (Agro., Alla2, Bas., Bidu., Calo, Couce., Figue2, Neves2, Ribad., Ribe2, Sabu3).

57 **primeiros dentes** *loc. s.* Incisivos permanentes. (Anseán, Cang3, Cer., Noal, Oroso2).

58 **novo** *adx. Ú. m. en pl.* [Cada un dos] primeiros dentes permanentes que lle saen á vaca. (Busta., Mosen.).

2.1.4. Muda-los dentes

Nesta epígrafe recollerémo-las denominacións que reciben estes animais nese longo período de tempo no que se vai producindo o cambio dos dentes de leite polos permanentes, mostrando simultaneamente pezas dun e doutro tipo.

59 **desfecha** *s.f.* Ver DESPECHA /60. (LG).

60 **despecha** *s.f.* Época da dentición. LG defíneo como o momento no que o becerro comeza a muda-los dentes. ERG cita a Carré Alvarellos. (ERG, LG).

61 **despecho** *s.m.* Acción de bota-los dentes. (Cere., Ram.).

62 **dentes pechos** *s.comp.m. pl.* Dentes permanentes dun bovino, cando este xa pechou. Ver tamén comentario a DENTE DA MAMA /38. (Parade.).

63 **primeiro despecho** *loc. s.* Ver DESPECHO /61. (Piñei2).

64 **terceiro despecho** *loc. s.* Acción de muda-los últimos dentes de leite. (Piñei2).

65 **cerrada 1** *adx.* [Vaca] que mudou os dentes de leite e xa ten tódolos permanentes. Sende. inclúe esta voz como resposta á pregunta "Primeiros dentes que lle saen á vaca". (Alla2, Arc3, Buga-A, Cam2, Cod., Com1, Lendo, Mra., Neda, Oirós, Ribad., San., Sende.).

66 **desferrado** *adx.* [Becerro] que aínda non botou os primeiros dentes. (LG).

67 **fechada** *adx.* Ver CERRADA 1 /65. (PAre1).

68 **feita** *adx.* [Vaca] que xa mudou tódolos dentes. (Somo2).

69 **igualada** *adx.* [Vaca] que xa mudou tódolos dentes. (Fol-C).

70 **mamona 1** *adx.* Ver MAMOTA 3 /71. (Cam4, CTui, Guil2, Macei., Randu., Zamáns).

71 **mamota 3** *adx.* [Becerra] que aínda non mudou tódolos dentes de leite. ERG defíneo como "cerda, ternera, res que todavía está mamando". (Antas3, Aranga, Arc4, Cadrón, Carbal., Codeso., Com1, Crendes, Cunt2, Cur1, Gaxate, Lagar., Medín, Negr2, Noal, Noalla, Piñor, Rendal, Saiar, Santi., Sisán, Vmaior).

72 **marmota** *adx.* Ver MAMOTA 3 /71. (Com1).

73 **mourota** *adx.* Ver MAMOTA 3 /71. (Couso).

74 **rasa** *adx.* [Vaca] cos dentes moi gastados pola rumia. (Común).

75 **serrada** *adx.* Ver CERRADA 1 /65. (Borre., Carr-C, Miñor2, Rama.).

76 **tardía** *adx.* [Xuvenca] que se retrasa na muda dos dentes. (Tab1).

77 **vella** *adx.* [Vaca] que xa mudou tódolos dentes. (Ribad.).

78 **zarrada** *adx.* Ver CERRADA 1 /65. (Bar-Co., Chan.).

79 **en mamotes 2** *loc. adx.* [Vaca] cos primeiros dentes permanentes. (Oroso1).

80 **arredondar** *v.* Acabar de bota-los dentes todos [unha vaca]. (Ced.).

81 **cerrar 1** *v.* Acabar de bota-los dentes permanentes [unha vaca], rematando así a dentición. Os dentes de leite están separados entre eles mentres que os permanentes contactan uns cos outros pechando os intersticios. Enxames (OU) e Cerd2 (PO) escriben *zerrar*. Pre. e Razo anotan o e paragóxico, escribindo *cerrare*. Cadrón, Lagar., Lava., Noalla3, Tabor., Viso1 e Viso2 recollen a forma perifrástica *estar cerrada*. Noalla3 escribe: *Non está cerrada aínda, ten só seis dentes*, *Non é vaca hasta que está cerrada*. PSil utiliza a forma *estar cerrando*, que marca o aspecto durativo da acción e polo tanto indica que o proceso de muda-los dentes de leite aínda non rematou. (ILG: 120 (C:51, LU:27, OU:16, PO:24, GExt.:2)).

82 **cerrarse 1** *v.* Acabar de bota-los dentes todos [unha vaca]. (Negra.).

83 **desbocar** *v.* Caerlle os dentes [a unha res]. Temos que crer que o noso informante se refire a unha vaca vella, que xa perde os dentes. O mesmo informante recolle *desbocado* co significado de desdentado, desferrado. (Mel1).

84 **desfechar** *v.* Ver DESPECHAR 1 /86. (Fra.).

85 **despachar** *v.* Ver DESPECHAR 1 /86. (Sabu2).

86 **despechar 1** *v.* Cae-los primeiros dentes [do becerro], as palas ou dentes do medio, e empezar a bota-los dentes permanentes. *Cando lle can os dentes: despecha; pero volve cerrar, pechando* (Lim6). Negra. recolle a forma perifrástica *estar despechando* que marca o aspecto durativo da acción e polo tanto indica que o proceso de muda-los dentes aínda non rematou. (Arca, Cre., ERG, Lim6, Negra., Nove., Parade., Ped1, Ram., VGR, Xun2).

87 **despechar 2** *v.* Ver CERRAR 1 /81. (Samos3, Sete-L).

88 **espechar** *v.* Ver DESPECHAR 1 /86. (Incio).

89 **fechar** *v.* Ver CERRAR 1 /81. (Cervá1, Cervá2, Pal., Randu., Toba, Vnova2).

90 **ighualar** *v.* Ver IGUALAR /91. A nosa fonte escribe *ijualar*. (Agro., Car2, Grixoa).

91 **igualar** *v.* Acabar [un bovino] de bota-los dentes todos. Cerra-la boca. (Cam2, Carr-C, Com1, Sisán).

92 **pechar 1** *v.* Ver CERRAR 1 /81. *Ao caír-lles e xa nados os dentes de xunto das 'palas', 'estan de meia boca', e ao caír-lles e nascer-lles os outros 'están de canteiros' ou 'de cabos', que é cando 'pechan' por estar todos os dentes nados. Ou seña, que 'pechar a dentamia' do gado é ter nados e ben xuntiños todos os dentes* (Parade.:277). *Cando lle can os dentes: 'despecha'; pero volve cerrar, 'pechando'* (Lim6). (Caban., Car2, Estr4, Fre., Gun., Laiosa, Lañas, Lim6, Negral, Pantón, Parade.).

93 **refeitar** *v.* Ver CERRAR 1 /81. (Noal).

94 **sarrar** *v.* Ver CERRAR 1 /81. (Cang3, Casal., Lampón, Morai., Morga., Vtose).

95 **serrar** *v.* Ver CERRAR 1 /81. (Abe., Agro., Baíñas, Buga-N, Carr-C, Conxo, Cruído, Dum., Figue1, Figue2, Lous., Lucí, Negr2, Oroso2, Ortoño, SComba, Sisán, Teo, Vcova.).

96 **xerrar** *v.* Ver CERRAR 1 /81. Supoñemos que se trata non da palatal fricativa xorda senón máis ben dun seseo típico da zona que o colector non soubo reproducir mellor. (Valad2).

97 **zarrar** *v.* Ver CERRAR 1 /81. A nosa fonte en Chan. recolle a forma perifrástica *estar zarrada*. (Común: Abadín, Amandi, Aranga, Arroxo, Arzón, Burela1, Burón, Cab., Carño2, Ced., Chan., Couce, Crendes, Fózara, Goián, Goián2, Gui., Lago, Laxe, Lestón, LG, Melias, Mondo1, Mour1, Neves2, Oirán, Oroso1, Pade., Parga, Piñor, Ribe1, Sabu3, San., SComba, Sisto, Sofán, Suarna, Tab1, Taboa., Vala., VFrore., Vxoán, Zamáns).

98 ***despalar** *v.* Muda-los primeiros dentes [un bovino]. (Ced., Piquín).

99 **bota-lo dente** *loc. v.* Cambiar [unha becerra] os primeiros dentes de leite e pasar así a ser xovenca. (Cam1).

100 **bota-los cabeiros** *loc. v.* Acabar de bota-los dentes todos [unha vaca]. (Valad1).

101 **cerra-la boca** *loc. v.* Cambiar tódolos dentes mamotes [unha xovenca] e, polo tanto, pasar a ser vaca. (Caa., Cam1, Com1, Dum., Feás-A, Gud., Gun., Mez., Mon., Mra., Nove., Ped1, Razo, Vala., Vil., Xun.).

102 **estar de cabos** *loc. v.* Ver ESTAR DE CANTEIROS /103. (Pantón, Parade., Sete-L).

103 **estar de canteiros** *loc. v.* Ter mudados xa [unha vaca] os seis dentes de leite e nacidos os permanentes, máis ou menos ós tres anos de

idade. O noso informante en Paradela explica que nese momento dise que *a vaca pecha*. (Ben., Com1, Com4, Parade.).

104 **estar de catro dentes** *loc. v.* Non ter mudado aínda [unha vaca] tódolos dentes de leite. *Esta vaca xa che está de catro dentes*. (Caban., Carbal., Cunt2).

105 **estar de dous dentes** *loc. v.* Ter [unha vaca] os dous primeiros dentes permanentes. (Buga-A, Callo., Carbal., Couso, Fol-C, Grixoa, Morga., Negr2, Ortoño, Peroxa, Rib-E, Saiar, Somo2, Valad2, Vxoán).

106 **estar de mamóns** *loc. v.* Non ter mudado aínda [unha vaca] tódolos dentes de leite. (Bas., Couce., Lampón, Lous., Miñor2, Morai., Oroso2).

107 **estar de mamotes 1** *loc. v.* Non ter cambiado aínda [un becerro] os dentes do leite. Tamén se di dunha mociña nun baile. (Cato., CReis2, PCal2, Peroxa).

108 **estar de media boca** *loc. v.* Ter [un bovino] mudados xa os catro primeiros incisivos: as palletas e os outros dous dentes que lle seguen. (Barre., Pantón, Xudán1).

109 **estar de medias e cabos** *loc. v.* Estar [unha becerra] botando os segundos incisivos (*medias*) e caninos (*cabos*). A nosa voz define, cremos que de maneira imprecisa: "Vaca que aínda non mudou tódolos dentes de leite". Cremos que o informante debeu dicir que neste momento o bovino ten os primeiros incisivos permanentes (*palas*) e o resto de leite (*medias e cabos*). (Piñe.).

110 **estar de meia boca** *loc. v.* Ver ESTAR DE MEDIA BOCA /108. (Parade.).

111 **estar de palletas** *loc. v.* Terlle nacido os primeiros dentes permanentes, os dous primeiros incisivos [a un bovino]. (Pantón, Parade., Sete-L).

112 **estar de toura pra vaca** *loc. v.* Non ter mudado aínda [unha vaca] tódolos dentes de leite. (Baltar).

113 **estar de un dente** *loc. v.* Ter [unha vaca] os primeiros dentes permanentes. (Buga-A, Callo., Couso, Fol-C, Morga., Peroxa, Rib-E, Saiar, Somo2, Valad2, Vxoán.).

114 **falar polo dente** *loc. v.* Indicar [unha vaca] os anos que ten polo estado da súa dentición cando aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Ces., Mondo2, Pade.).

115 **lerse polo dente** *loc. v.* Calcula-la idade [dunha vaca] que aínda non mudou tódolos dentes mirando na dentamia. (Medín).

116 **non falar polo dente** *loc. v.* Non podérselle ler nos dentes a idade [a unha vaca] por ter xa tódolos dentes permanentes. (Mondo2).

117 **pecha-la dentamia** *loc. v.* Ver PECHAR 1 /92. (Parade.).

118 **poñerse de dentes** *loc. v.* Botar [unha vaca] os primeiros dentes permanentes. A nosa fonte escribe *púxose de dentes*. (Eixo.).

2.1.5. Denominacións segundo a idade

2.1.5.1. O becerro

Para a lematización das voces deste apartado debe verse o que explicamos en 1.8.1. cando falamos dos *Criterios de lematización.*



Becerro na feira de Santiago.

119 **acheite 1** *s.m.* Becerro. *En sentido figurado, un 'acheite' é un bo partido para casar que ben se lles recomenda ás máis mozas*. (LG:26.04.1998).
120 **anella 1** *s.f.* Becerra. (CP).
121 **becerra 1** *s.f.* Cría femia dunha vaca dende o nacemento deica o destete e o momento no que acaba de mudar tódolos dentes de leite. Estr3, JMP e Vi-Val. recollen o diminutivo *becerriña*. (Común).
122 **becerro 1** *s.m.* Cría macho dunha vaca dende o nacemento deica o destete. O noso informante en Gud7 engade que as crías reciben o nome de becerros só durante os primeiros días; despois este nome ou o de xatos, indistintamente. Ós dous anos, as femias chámanse novelas e os machos novelos. Dos dous anos en diante, vacas e bois respectivamente. Callo. e JMP recollen o diminutivo *becerriño* con valor afectivo. En Friei. *vitelo* é o becerro noviño e, cando medra, pasan a chamarlle *becerro* e con dous anos *novelo* ou *novela*. (Común. ILG:114 (C:35, LU:28, OU:20, PO:31)).
123 **beserra** *s.f.* Ver BECERRA 1 /121. A nosa fonte recolle o aumentativo *beserrota*. (TapiaC).
124 **beserro** *s.m.* Ver BECERRO 1 /122. (Abe., Buga-A, Buga-N, Cam4, Cang2, Figue2, Morai., Negr2, TapiaC, Vtose.).
125 **bucha 1** *s.f.* Ver PUCHA 1 /154. (ERQ, Sete-L).
126 **bucho 1** *s.m.* Ver PUCHO 1 /155. Taboa. recolle o diminutivo *buchiño*, con valor afectivo. Tamén en Sober, *bucha* é unha xovenca. (CP, Dis., ERQ, Laiosa, Pantón, Parade., Penela, Ram., Sober2, Taboa., VS3).
127 **camomiño** *s.m.* Ver CAMONIÑO /128. (CP).
128 **camoniño** *s.m.* Tenreiro dun ano. Xaquín Lorenzo describe así as distintas denominacións de acordo coa idade do animal: *Asegún a súa edade ten esta facenda distinos nomes: 'camoniño' é tenreiro dun ano, cos primeiros dentes chámase 'pallete', cos de leite, 'mansote', ó ser algo meirande, 'cuxo', e, en xeral, denantes de chegar a boi é un 'tenreiro'* (XLF:299). ERG, máis escueto, traduce por "buey joven", e cita a Murguía. (ERG, XLF, XRMF4).
129 **carruxo** *s.m.* Becerro. (Xun.).
130 **cata** *s.f.* Becerra. (ERG).
131 **cato** *s.m.* Becerro. (ERG, LG).
132 **cebón** *s.m.* Xato cebado durante o primeiro ano de vida e que logo é sacrificado. (LG).
133 **cocha** *s.f.* Ver CUCHA 1 /135. (Cam1).
134 **cría 1** *s.f.* Becerro. *Ao animal rescem-nascido, que se está criando, chama-se 'cria', que, em Bragança, se aplica particularmente ao gado vacum* (DMA:85). (DMA, Sete-L, Val-LE).
135 **cucha 1** *s.f.* Cría femia dunha vaca dende o nacemento deica o destete. (Común).
136 **cucho 1** *s.m.* Cría macho dunha vaca dende o nacemento deica o destete. (Común. ILG (C:39, OU:1, PO: 4)).
137 **cuiso** *s.m.* Ver CUXO /141. (Lan., Lan2, Zolle).
138 **cuixo** *s.m.* Ver CUXO /141. A nosa fonte recolle o diminutivo *cuixiño*. (TCha.).
139 **cuso** *s.m.* Ver CUXO /141. (Arroxo, Negral).
140 **cuxa 1** *s.f.* Cría femia dunha vaca dende o nacemento deica o destete. ERG recolle tamén o diminutivo *cuxiña*. (Camba, Cod., ERG, Feás-A, Fri., Grixó, Gui., Oirós, Sob.).
141 **cuxo** *s.m.* Cría macho dunha vaca dende o nacemento deica o destete. Sg. XLF é maior que mansote, pallete, camoniño. En Vilaf. defíneno como "acabado de nacer". Rielo (TCha.) recolle o diminutivo *cuxiño* e indica que na Terra Chá é nome garimoso que se lle dá ó xato pequeno. (Arca, Barcia, Callo., CP, Cur., ERG, Fri., Gui., Gun., JMP, Mel1, Nove., Oirós, Parade., Sob., TCha, VGR, Vala., Vilaf., XER, XLF, XNV, XRMF4. ILG:33 (C:21, LU:3, OU:2, PO:7)).
142 **choto** *s.m.* Becerro duns oito meses. (ERG, Mra., VGR).
143 **gargalla** *s.f.* Becerra. (CP).
144 **gargallo** *s.m.* Becerro mamón. (CP).
145 **mansote 2** *s.m.* Becerro cos dentes mamotes. (XLF, XRMF4).
146 **namote** *s.m.* Ver MANSOTE 2 /145. (LG).
147 **novela 2** *s.f.* Becerra. (ERGa, Hermi.).
148 **novelo 2** *s.m.* Becerro. (Gud5, Hermi.).
149 **pallete 2** *s.m.* Becerro cos dentes mamotes. (ERG, XLF, XRMF4).
150 **pericón** *s.m.* Xato pequeno que rexeita o agarimo. Aínda que ordinariamente este vocábulo se aplica ás ovellas, na propia Terra Chá aplícase tamén ó raposo e ó lobo nalgúns contos populares; e na súa forma aumentativa aplícase ós xatos considerados "carneiros grandes". (TCha.).
151 **pocha** *s.f.* Ver PUCHA 1 /154. (Castre., Lama, LG, Saln1).
152 **pocho 1** *s.m.* Ver PUCHO 1 /155. Gro2 sinala que *pocho* é como eles, os gandeiros da aldea, falan, mentres que os carniceiros din *becerro*. (Arme., Castre., Corb., Dozón, Gro2, Lama, Noalla, Saiar, Sisán, Vnova2, Vxoán).
153 **poito** *s.m.* Becerro. (ERG, ERQ, FMS, LG).
154 **pucha 1** *s.f.* Becerra. (Común).
155 **pucho 1** *s.m.* Becerro. Algunhas das nosas fontes (Arme., Carr-C, Gro1) recollen o diminutivo *puchiño* con valor afectivo. (Común).
156 **puxo 3** *s.m.* Ver PUCHO 1 /155. (ERQ).
157 **quilo** *s.m.* Becerro de poucos meses. (CP).
158 **redroio** *s.m.* Becerro de cría. (CP).
159 **redrollo** *s.m.* Becerro de cría. En cast. *redrojo* e *ridruejo* (froito serodio), astur. *redroyo* (home pequeno e gordo). (Cerv1, ERQ1).
160 **revista** *s.f.* Rivas Quintas define como "becerra

[sic] en Xinzo de Limia. Curiosa evolución semántica". (Xinzo1).

161 **roxelo** *s.m.* Xato pequeno. Tódalas outras fontes consultadas dan a *roxelo* o significado de año, cría da ovella menor dun ano. (TCha.).

162 **tenreira 1** *s.f.* Becerra. (Burón, Cab., Ced., ERG, Gud., JMP, Suarna, Xun.).

163 **tenreiro 1** *s.m.* Becerro. Ver tamén comentario de XLF a CAMONIÑO /128. (Burón, ERG, ERQ, FMS, Incio, JMP, Lobe., Suarna, VFrore., XER, XLF, XRMF4).

164 **terneira 2** *s.f.* Becerra. (Crendes, Ram., Vil.).

165 **terneiro 1** *s.m.* Becerro. En Paradela chámano así cando ten dous ou tres anos. (Com1, Cur., Melias, Oirós, Pantón, Parade., Ram., Sober2).

166 **toura 2** *s.f.* Becerra. Cómpre lembra-lo que ó respecto di Xaquín Lorenzo: *A vaca primeriza chámase 'xuvenca', e a estéril, 'toura'* (XLF:299). (Cang3, Ctel1, Goián, Goián2, Guil2, Marín, Morga., Pont., Ram., Tabor., Xun.).

167 **tuxo** *s.m.* Ver CUXO /141. (Burón).

168 **vitela 1** *s.f.* Becerra destinada ó sacrificio. (Ver1, XLF).

169 **vitelo** *s.m.* Becerro. *A cría, vitelo, e máis becerro" (Lim6).* Friei. explica que o 'becerro' é maior có 'vitelo': *Ó medrar* [o vitelo]*, que xa tein máis tempo, son becerros-as* (Friei.:198). *Deste derradeiro nome* [vitelo] *disque procede a palabra 'Italia', pola vitela de Gerión que se lle escapara a Hércules ó desembarcar nesta península* (LG:15.03.1998). (Enxames, Friei., Gud., Hermi., LG, Lim6, Mez., Ram., Vil., Vrei., XER, XRMF4, Xun.).

170 **xata** *s.f.* Cría femia de vacún dende o nacemento ata o destete. Nove2 recolle o diminutivo *xatiña*. (Común. ILG: 65 (C:14, LU:35, OU:7, PO:9)).

171 **xato 1** *s.m.* Cría macho de vacún dende o nacemento ata o destete. FMS di que pode vir do latín *satus*. En Vilaf. defíneno como "a partir dos oito ou nove meses". As nosas fontes nos Ancares tamén nos dan o diminutivo ancarés *xatíus*: *As vacas cos seus 'xatos', 'xatas' e 'xatíus' botaban arriba* [nas brañas] *varios meses, tradicionalmente dende o San Miguel de maio (día 8) ata o san Miguel de setembro (día 29)* (Ancares:385). (Común).

172 **xoto 1** *s.m.* Becerro. (CLam3,ERG).

173 **xuvenco 2** *s.m.* Becerro. (Marín1).

174 ***ternero** *s.m.* Becerro. Estr4. recolle o diminutivo híbrido *terneiriño* e indica que ten valor afectivo. (Bar-Co., Estr4, Gro1, Oliv., Rama., Val-LE).

175 **becerra amarela** *loc. s.* Masa na artesa. Úsase nas adiviñas. (ANV1:87).

176 **lirio guezo** *loc. s.* Xato. No barallete, *lirio* é boi e *guezo* é neno ou pouco, polo tanto quere dicir *boi pequeno*. (Morei.).

177 **branco 2** *adx.* [Tenreiro] criado só a leite para que a súa carne sexa branca. Anda sempre envetillado para que non coma herba. (XLF:302).

178 **cortelleiro** *adx.* [Becerro] acabado de nacer, que aínda non se deixa saír da corte. *En canto os becerros son 'cortelleiros', ténse tino de que mamen tres veces ao día, i-en canto emprincipian a comeren bótanse ao monte cas nais ás que se lle untan as tetas con bosta pra que as crías non mamen mentras están fora*. (Velle1:135).

179 **mamote 3** *adx.* [Animal] que aínda mama. (ERG, XER).

180 **nova 2** *adx.* [Becerra] que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Verdía).

181 **de dous dentes** *loc. adx.* [Vaca] duns doce meses máis ou menos, que é cando bota dous incisivos permanentes. (Com1).

182 **estar acoudado** *loc. v.* Ter alcanzado xa [un becerro] o seu tamaño definitivo, ter deixado de medrar. (LG).

A boa becerriña coñécese de noviña. (Curro) [15]

A boa vaquiña coñécese de noviña. (Curro) [16]

De becerro verás o boi que terás. (ERG:becerro; MC:89) [17]

De pequeniña verás a vaquiña que terás. (VLLM:1,140) [18]

De pequeniña verás qué vaquiña terás (VLLM:1,140)

De pequeniño verás o boi que terás. (VLLM:1,140)

De pequeniño verás qué boi terás. (UCA2:32; JASA:312; JASA2:358; JASA3:220; MVN:443; EAG:14; PdM:10; XFV:45; ZM:77; VS) [19]

15 No texto: *coñócese.*

16 No texto: *coñócese.*

17 No texto: *ó boi* (MC). Cajaraville escribe realmente *Do becerro...*, que corriximos por semellar un erro.

18 Recólleo de Parga Sanjurjo, *B.R.A.G.* IV.

19 JASA e EAG: *piquiniño*.

De pequeno conocerás qué boi terás. (Camb1:47; Castre.)
De pequeno verás o boi que terás. (ERG:boi; VLLM:1,140; VS)
De pequeno verás qué boi terás. (VLLM:1,140; SPP:218; VS) [20]
De pequeno verás si bo boi terás. (Salc5)
De rapaz verás qué boi terás. (VS)
De xatiña verás a vaquiña que terás. (VLLM:1,140) [21]
De xatiño verás qué boi farás. (RCI:123)
De xato verás qué boi terás. (VLLM:1,140) [22]
O boi que terás, de tenreiro o verás. (ERG:boi)
A coarterón vai a terneira i o que non teña pasa sin ela. (XTC4) [23]
Becerro de herba, becerro de merda. (Grou) [24]
Becerro mamón non mama deitado. (XTC4)
Cada ovella coñez o seu rexelo e cada vaca o seu tenreiro/becerro. (VLLM:2,82) [25]
Cuxo mamote ben dorme. (VLLM:1,156) [26]
Puchiño mamote ben dorme. (VLLM:1,156)
Xatiño mamote ben dorme. (VLLM:1,156)
Cuxo mansiño de tódolos tetos mama. (VLLM:1,152) [27]
O becerriño manso mama a súa nai e a outras catro. (ERG:mamar) [28]
Pucho mansiño de todas as vacas zuga. (VLLM:1,152) [29]
Xatiña menga a tódalas vacas zuga. (VLLM:1,156) [30]
De vacas e xatos van os coiros ó mercado. (VLLM:1,140) [31]
Dos xatos e das vacas van os coiros ás prazas. (VLLM:1,140) [32]
Dille a vaca ó becerro: "Ti virás por onde eu veño". (VS)
Dille a vaca ó becerro: xa irás por donde eu veño. (SCD) [33]
En sardiñas e tenreiras, as galegas as primeiras. (VLLM:1,141) [34]
En xaneiro becerro enteiro. (Grou)
O becerriño no agosto ten frío. (ERG:becerriño; NevesC) [35]
O crego de Albarellos ten máis touras cós seus novelos. (XSL:67; GILB:124) [36]
O que perdeu un boi e atopou un xato, xa non perdeu tanto. (VLLM:1,149) [37]

---

20 No texto: *boy* (SPP). Llópiz di que o recolle de Valladares e de Murguía pero, como vemos, Valladares dá outra forma: *De pequeniño verás qué boi terás*. Saco comenta que *las inclinaciones de las personas brotan ya desde los primeros años, y ya entonces han de empezar a enderezarse*, e ofrece as seguintes equivalencias: P.: *De pequeno verás que boi terás* (Chaves); E.: *De bueyecillo verás qué buey harás* (Sbarbi).

21 Recólleo de V. Muñiz en Ferrol.

22 Recólleo de Ferreras, prof. vet. no Bierzo.

23 XTC4: *i-o.*

24 Por eufemismo: *becerro de m.* Ver nota a *Boi de palla, besta de herba e home de verba, todo é merda* en 9.10.7.

25 Llópiz recólleo de J. Pol (*La Ganadería Gallega*, Ordes).

26 Llópiz di que alude ós cuxos que maman moito e mesmo os meniños ben criados e fortes, que comen ben. Recólleo, como as dúas variantes que seguen, de J.M. Agromayor (*Ferias y costumbres*, Sarria 1952).

27 Llópiz: *tódal-os*; define *Cuxo* como *ternerillo mamón*. Recólleo de A. Abelaira (*Folklore de La Capela*).

28 ERG: *sua*.

29 Llópiz recólleo en Serantellos, ó pé de Ferrol, de E. Mayobre.

30 Llópiz define *menga* como mansa (Cf. var. *Xatiño manso ...*). Cita un refrán latino *Vir oboediens loquetur victoriam* que, no texto orixinal (Proverbios 21,28) ten o senso de *Quen saiba escoitar falará o último*; quere dicir que quen está caladiño ó abrigo do loureiro é moitas veces quen en fin de contas máis proveito tira dunha situación.

31 Recólleo no Páramo (Sarria). Cita coincidencia coa colección de Pedro Vallés: *De becerros y vacas van los pellejos a las plazas*.

32 Llópiz recólleo en Malvas (Tui) de J. García González.

33 Alude a que os xoves teñen que percorre-lo mesmo camiño que xa percorreron os seus maiores. No texto: *dícelle, o becerro*.

34 Llópiz recólleo de Trapero Pardo en Madrid (1ª Feria del Campo) e cita vars. *En carne tenreira, Galicia a primeira* e *En carne de terneira Galicia é o celeiro d'Hespaña inteira*: pero esta última, pola falta de complementarios e de ritmo, máis que refrán popular parece reclamo publicitario ocasional dunha feira gandeira celebrada en Madrid nos anos cincuenta sen o indispensable uso popular.

35 ERG: *tèn*.

36 XSL e GILB: *que os*. *Albarellos* hai varios en Galicia e cremos que aquí simplemente está por razón da súa consonancia con *novelos*.

37 Llópiz recólleo na Pastoriza.

O potro, da potrela, e o becerro, da vaca vella. (VS) [38]
Poldro, de poldrela; becerro, de vaca vella. (ERG:poldro)
Poltro, de poldrela; becerro, de vaca vella. (ANV1:101) [39]
Poltro, de poltrela, e boi, de vaca vella. (Barcia)
Poltro, de poltreta; becerro, de vaca vella. (XTC4) [40]
Potro, de potrela; becerro, de vaca vella. (EAG:51; MVN:466; MVN2:100; PdM:18; VS) [41]
Xatiño/xato de xovenca e poldriño de égoa vella. (VLLM:1,156) [42]
Xato de novella e potro de egua vella. (JASA:344) [43]
O que queira manter becerros mamotes que os manteña a conta dos sacerdotes. (XTC4)
Ós pobres Deus mándalles nenos, ós ricos mándalles becerros. (Gro5)
Ós probes mándalles Deus nenos; e ós ricos, becerros. (XMSH:154; ZM:40) [44]
Para desteta-lo bucho non hai como mata-la bucha. (VS3, VS4) [45]
Que dea a vaca bo tenreiro, que moito leite coa herba no prado non hai que esperalo (ERG:vaca)
Que dia a vaca bon becerro /bos xatos e bo leite coa herba do prado non hai que esperalo. (EAG:27; VLLM:1,152) [46]
Que día a vaca bon becerro e moito leite coa herba no prado, non hai que esperalo. (VS) [47]
Señoritos e becerros, pra fodelos. (XTC4)
Xatiña de vaca brava turra sempre. (VLLM:1,157) [48]

A viteliña dá berros
e o cordeiro saltiños,
a moniña dá chirlos
*e os nenos *besiños.* [49]

Adios, olliños de cuxo,
anque me vou polo mundo,
anque me vou, non me fuxo. [50]

Ai María, ó teu portelo
atravésalle un ramallo
que o meu becerro é ladrón
e pódeche entrar no prado. [51]

Cando botáre-lo gado
bótame o meu becerriño
que che hei dar unha mazá
que teño nun arcaciño. [52]

Eu matei hoxe dez lobos
e dezasete leóns,
e dezanove becerros,
trinta cabras, dez castróns. [53]

...ghotas de Monfero
teñen as trenzas no pelo
debaixo daquelas trenzas
un pollo como un becerro. [54]

---

38 VS: *i-o becerro*. Este refrán e mailos seguintes recollen unha práctica común na gandería tradicional segundo a cal se aconsellaba destinar ó engorde e posterior sacrificio ás primeiras crías que tiña unha vaca. A moderna gandería, que se abastece de xovencas importadas xa preñadas, non podería permitirse estes luxos.

39 ANV1: *Póltro, poltréla*.

40 Sospeitamos que ese *poltreta* sexa un erro por *poltrela*, diminutivo que utilizan tódolos demais autores.

41 MVN: *potrèla, vèlla*. MVN2: *potréla, vélla*.

42 Llópiz di que así o aconsella a práctica veterinaria e cita a *Zootecnia veterinaria* do Instituto Pecuario de Lugo (Lugo 1945). Lémbrese, non obstante, o refrán *Poldro, de poldrela; becerro, de vaca vella*, e variantes, e o que recollemos do refraneiro asturiano: *Nuvellón de nuvilleya y xatina de vaca vieya*, e que o colector explica deste xeito: *es preferible que la vaca joven tenga como cría un macho y la vaca vieja una hembra* (LC:314).

43 JASA: *égua*; explica que os mellores becerros obtéñense dos primeiros partos mentres que cos poldros é ó revés.

44 ZM: *aos*.

45 VS4 recólleo en Vilamane, Becerreá.

46 EAG: *moita leite, c'o a, d'o, n'o*; Llópiz corrixe *dia* por *deia*, *n-o hai* por *n'ai* e *bon becerro* por *bos xatos*. O refrán parece ser máis coherente na forma en que o presenta ERG (*coa herba no prado*), é dicir, sen darlle a herba do prado, sen alimentala.

47 VS no mecanoscrito: *moita leite*.

48 Llópiz recólleo de Aira (Lugo).

49 Carb-L:62.

50 TCha:45.

51 Lama2:87.

52 LimiaB:55. No texto: *botarelo gado.*

53 DBP:3589.

54 SCHU4/2/425. *Pollo* é piollo. No texto: *d'aquelas*.

Lobos que andais polo monte
aguzai ben o sentido,
buscai por ises encontros
que anda un becerro perdido. [55]

Luna lunera,
cascabelera,
cinco poliños
nunha ternera. [56]

Meniña que vas co gado,
lévame tamén o meu:
unha vaca e dous touriños,
¡oh, que lindo gado é! [57]

Miña mai, por me casar,
prometeume unha becerra
i ahora que me casou
díxome que lle morrera. [58]

Miña nai e maila túa
ámbalas dúas van na feira,
levan un cuxiño roxo
fillo da vaca marela. [59]

Miña nai e maila túa
as dúas van á taberna;
levan a cuxiña branca
e mais tamén a marela. [60]

Miña nai e maila túa
van á feira a Paradela
vende-lo becerro branco
fillo da vaca amarela. [61]

Miña nai e maila túa
van na feira en Paradela,
van vender a xata roxa,
filla da vaca marela. [62]

Miña nai e mais a túa
ambas iban á taberna,
levan a xatiña branca
e mais tamén a marela. [63]

Moito tocas, moito cantas,
moito tóca-lo pandeiro;
ises son os becerriños
que che curten o quinteiro. [64]

Mozas que leváde-lo gando,
levaime o meu becerriño,
que queda na corte berrando
pola nai, que é pequeniño. [65]

Nena que léva-lo gando,
lévame o meu becerriño;
queda na corte bruando
pola nai, que é pequeniño. [66]

Neniña ó teu portelo
atravésalle un ramallo
o meu becerro é veceiro
pódeche brincar no prado. [67]

Neniña que vas co gando,
cóidame o meu becerriño;
queda na corte berrando
pola nai, que é pequeniño. [68]

---

55 LimiaB:91.

56 XTC1:104. Rima infantil recollida de Manoel Padrón, 46 años, Caldeliñas (Vilamaior do Val, Verín).

57 LimiaB:96.

58 SCHU6/2/1679b. No texto: *premeteum'unha*. Tamén neste caso existen numerosas variantes desta cantiga, polo que recollemos aquí só este exemplo, podéndose consulta-la totalidade das que temos recollidas no apart. 9.1.10. *Cantidade óptima de gando*.

59 TCha:51.

60 VIÑO2:36. No texto: *e máis tamén*.

61 RC:110, GEG:2035. No texto: *máil-a, vender o* (RC); *máila, vendé-lo* (GEG).

62 TCha:51.

63 JPBI:6.3. No texto: *e mais a tua, â taberna*.

64 LimiaB:104 explica que o *quinteiro* ou *quintairo* "é un anaco de camiño que queda dediante da casa e que se ten estrado con toxos para que a facenda os vaia curtindo prós convertir en esterco". Pero JASA:121,814 (que DBP:2321 recupera e localiza en Entrimo) non di *quinteiro* senón *tinteiro*. JASA (que morreu en 1881) é fonte anterior a LimiaB (que recolleu antes de 1933 e que publicou en 1973) pero aquel *tinteiro* resulta estraño, porque o significado habitual é o de recipiente para a tinta ou, secundariamente, armazón con buratos para introducir e fixa-los paus da vela da gamela. Queda a remota posibilidade de que se refira a actividades coma as que en tempos puido haber no lugar do Tinteiro (barrio do Pino en Ourense), onde augas quentes e lodas puideron ter algún tipo de utilización curtidora. No texto *tocalo* (LimiaB); *toca-lo* (JASA).

65 DBP:3719.

66 JASA:98 (Cant.515); DBP:2625. No texto: *leva-lo, levam'o, po-la nai, n-a, qu'é pequeniño* (JASA), *lévam'o, qu'é* (DBP).

67 SCHU1/2/298. *Veceiro*: de mal costume, dise do gando que ten o vezo de deixa-lo camiño e coller ó revés. No texto: *atravesall'un*.

68 MRV:50.

No lugar de San Martiño
non entra carro ferrado,
pero entra o Cachapelo
cunha xata polo rabo. [69]

Ó teu portelo, meniña,
atravésalle un codeso:
o becerro é becerriño,
ha de volver polo veso. [70]

Raparigüiña do gando,
corre ben ese portelo,
que o meu becerro é ladrón,
pódeche ir come-lo trebo. [71]

Ribadavia do Ribeiro
despachádeme de aquí logo
vou rapar outro terneiro. [72]

Xogo da pita cega [73]

Unilla, avecilla,
con gárgara villa,
con sete becerros
a porta da vila,
galo pinto,
ver vidal,
pra Portugal.

As vacas ó monte,
unha xata branca as leva
e outra moura vai por elas. [74]

Entre cancela e cancela
becerriña amarela. [75]

Entre cancela e cancela
becerriña marela. [76]

Entre cancela e cancela
hai unha becerriña amarela. [77]

Entre cancela e cancela
hai unha xata marela. [78]

Entre cancela e cancela
unha becerra amarela. [79]

Entre cancela e cancela
unha xatiña amarela. [80]

Están dous becerriños amarelos
pastando nun campo de ferro,
corren que os torce o demo. [81]

Nunha corte de ferro
hai dous xatos marelos. [82]

O raposo e o home da xata [83]

Unha vez viña un home da feira, e saliulle [84] o zorro ao camiño, e díxolle:
- *Ou me dás* [85] *esa xata ou non che deixo pasar.*

69 TCha:65. Refírese a San Martiño, da parroquia de san Martiño de Ferreiros, concello de Pol, Lugo.

70 DBP:816. No texto: *O teu, atravésall'un*.

71 DBP:3300. No texto: *qu'o, pódech'ir*.

72 Somo3.

73 JASA:206. Xogo da pita cega procedente de Entrimo. JASA advirte que *varios vocablos de este juguete son caprichosos y sin significación alguna*. No texto: *d'a, d'o*.

74 Os pans no forno e maila pa. PM:1028.

75 A vaca (preñada), ou tamén a manteiga na cazola, o sol (propostas ámbalas dúas por Leiras), a xema do ovo ou o millo no cabozo. PM:397.211, APG:173, AGA:101.

76 A manteiga no pote. AGA:100.

77 A manteiga na cazola. Gud5:44.

78 A vaca (preñada), ou tamén a manteiga na cazola, o sol (propostas ámbalas dúas por Leiras), a xema do ovo ou o millo no cabozo. PM:397, APG:128.

79 A xema do ovo. ANV1:87.

80 A vaca (preñada), ou tamén a manteiga na cazola, o sol (propostas ámbalas dúas por Leiras), a xema do ovo ou o millo no cabozo. PM:397, APG:128. Para Noriega Varela (ANV5) a solución é a xema do ovo.

81 Os ovos na tixola. APG:166, Gud9:38. No texto: *n-un* (Gud9).

82 Os ovos na tixola. PM:355.190.

83 FINGOI:34.

84 No texto: *salíulle*.

85 No texto: *das*.

- Vente comigo, que che hei dar un carneiro así que chegue á casa.

E foino pillando o eixe. Pillouno, atouno [86] coa corda á xata, e despois [87] pinchaba á xata por detrás, i o zorro iba darrastro e decía:

Se a corda non rompe ou non se desata,
lévame o demo á casa do dono da xata.

2.1.5.2. A xovenca

183 **almalla 1** *s.f.* Xovenca. (Enxames, Regue.).

184 **almallo 2** *s.m.* Xovenco. *E que acà na vila,/ como carnizeiro,/ matòu os almallos,/ os bois é becerros...* (FMS5:1135). (CP, ERQ, FMS5, JMP).

185 **anelo** *s.m.* Vacún non menor dun ano nin maior de dous. (ERG, LG).

186 **anello 1** *s.m.* Ver ANELO /185. (ERG).

187 **anexo** *s.m.* Ver ANELO /185. (ERG).

188 **anoia 2** *s.f.* Vaca dun ano. (Porto).

189 **anoxo** *s.m.* Ver ANELO /185. Lémbrese o castelán *añojo*. (ERG, LG).

190 **armalla 1** *s.f.* Xovenca. (ERQ).

191 **armallo 2** *s.m.* Xovenco. (Cove., CP).

192 **boiato** *s.m.* Boi desde que se canga por primeira vez, con moita dificultade, ata que remata por adaptarse ó xugo. CP defíneo como becerro maior que xa fai traballos de boi, o que tamén pode indicar que xa empeza a cubri-las vacas. (CP, Mora4).

193 **bucha 2** *s.f.* Xovenca. (Sober2, Vilela).

194 **cucha 2** *s.f.* Vaca que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Buga-N, Cast., Com4, Conxo, Covas, Fuxás, Grixoa, Lucí, Ortoño, Poulo, Pre., TapiaC, Vviño.).

195 **cuxa 2** *s.f.* Vaca que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Callo., Ced., Cervá1, Ces., Crendes, Culle., Estr4, Gui., Lañas, Lestón, Mour1, Oza, Somo1, Xeve).

196 **garrano** *s.m.* Vitelo que ten máis ou menos un ano de idade. (Hermi.).

197 **novela 1** *s.f.* Vacún femia entre o destete e o primeiro parto. (Con vogal tónica aberta). (Carr-G, Cere., Enxames, Gud., Gud7, Mez., Porto, PSeca, Ver1, Vil., Vrei.).

198 **novelo 1** *s.m.* Vacún macho entre o destete e a puberdade. (Con vogal tónica aberta). (Gud7, Ver1).

199 **novella** *s.f.* Xovenca, neste caso aplicado a unha vaca primípara. (JASA).

200 **nuvela** *s.f.* Ver NOVELA 1 /197. (Cal., Xun., Xun2).

201 **perico 1** *s.m.* Becerro que intenta cubri-las vacas. *Teño unha herba na horta/ que lle chaman rompe-rompe./ Teño un perico na corte,/ queira Deus que non te monte* (Camb1:87). *Perico* aparece co único significado de carneiro novo en Ced., Com1, Gro1, Marín, Saln., Simes e Vala.; para Pintos, *¡Perico!* é voz para chamar polo carneiro (JMP). En moitos lugares máis ten ademais o significado de neno ou nena rebuldeira. (Feás-A, CGG2, Mel1).

202 **poita** *s.f.* Xovenca. Tamén se usa moito como nome propio de vaca. (Xun2).

203 **pucha 2** *s.f.* Vaca que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Abe., Casal., Ribe1).

204 **sovenca** *s.f.* Ver XOVENCA /209. (Baíñas).

205 **terneiro 2** *s.m.* Res vacúa de dous ou tres anos. (Parade.).

206 **toura 1** *s.f.* Xovenca. Existe unha locución que parece identifica-la denominación de *toura* con esta etapa na que a vaca aínda non é fértil e reserva a de *vaca* para a posterior etapa de fertilidade. A locución é de Baltar (OU): *Estar de toura pra vaca*. No mesmo senso de infertilidade vai Xaquín Lorenzo: *A vaca primeriza chámase 'xuvenca', e a estéril, 'toura'* (XLF:299). Na Limia chaman así a unha *vaca maior cá xuvenca pero que aínda non é adulta: se nova chámase toura, e menos xuvenca* (Lim6). *Unha toura grande pode ir ó boi, empreñar e aínda mamar da nai* (Ctel1). Melias, Tabor. e VLLM recollen o diminutivo *touriña*, e Llópiz engade que por veces se usa para designar unha becerra brincallona. (Baltar, Bolo, Busta., Carño2, Ctel1, Dozón, ERG, Fara., Guil2, Lamas, Lim6, Melias, Mosen., Oliv., Peno., Piñei2, Sabu2, Sabu3, Tabor., VLLM).

207 **vacuxo** *s.m.* Xovenco, fillo da vaca que aínda non chegou a touro e que, en cambio, é de maior idade có tenreiro. *Aquela serán Estebo saíra ó monte coas dúas vacas que o seu pai tiña e un vacuxo que aínda cuáseque non lle espuntaban os cornos* (MAM2:144). (ERG, MAM2).

208 **xato 2** *s.m.* Boi de dous ou tres anos. Touro marondo ou enteiro e sen amansar, destinado a cubri-las vacas. (Parade.).

209 **xovenca** *s.f.* Vacún femia dende o destete ata o primeiro parto. *Eu merquéi ista vaca de xovenca*

[86] No texto: *Pillóuno, atóuno*.

[87] No texto: *despóis*.

e paréume na casa. Fíxose tan brava que non había quen se chegase a ila (GB2:108). (Común: Abe., Antas3, Aranga, Baña2, Ben., Burela1, Burgo, Burón, Cab., Cam1, Cam4, Casal., Ces., Cod., Consta., Corre., Cur1, Dúas, ERG, Feás-A, Figue2, Fre., Fri., GB2, Gud., Gui., Macei., Meira2, Mel1, Miñor2, Mira., Negral, Nove., Nove2, Oza, Parga, Ped1, Pedro., Per., Rib-S, Rus, Vala1, Vilaf., Vi-Val., Vmaior., XRMF4, Xudán1).

210 **xovenco** *s.m.* Vacún macho dende o destete deica a puberdade, máis ou menos, ata os dous ou tres anos. (ERG, FMS).

211 **xuvenca 1** *s.f.* Ver XOVENCA /209. No Grove din "cando xa se mantén soa pacendo". En Arzón recollen o diminutivo *xuvenquiña*. (Común. ILG: 121 (C:63, LU:18, OU:5, PO:35)).

212 **xuvenco 1** *s.m.* Ver XOVENCO /210. (Común).

213 **xuvenga** *s.f.* Ver XOVENCA /209. (Com1, Frei., Vxoán).

214 **xuvengha** *s.f.* Ver XOVENCA /209. A nosa fonte escribe *xuvenja*. (Sofán).

215 ***novilla 1** *s.f.* Vaca que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Ben., Cang2, Fol-LE, Mosen., Neves2, Pravio, Ram., Rama., Razo, Val-LE, Vill-O, Vxoán).

216 ***nuvilla** *s.f.* Novela. (Laxe).

217 **vaca de cabos** *s.comp.f.* Vaca que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Veste.).

218 **xato sen picar** *s.comp.* Becerro que aínda nunca cubriu unha becerra. *Segue un boi novo, puidera ser un xato aínda sen picar; abálanlle as carnes dende a xugueira ata o cu; os ollos dos tratantes debuxan quilos de bistés, faldra, xarrete...*. (XVP2:143).

219 **atourada 3** *adx.* [Vaca] que aínda non tivo nunca crías. ERG defíneo como: "Dícese de la *toura* o vaca novillera", é dicir, da vaca que aínda nunca empreñou. (ERG).

220 **nova 1** *adx.* [Xovenca] que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (CarbCo., Cer., Covas, Dum., Lago, Lava., Porto, Razo).

221 ***xoven** *adx.* [Vaca] que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Valad2).

222 **de catro dentes** *loc. adx.* [Vaca] de dous anos, porque, deste tempo, xa ten catro incisivos permanentes. (Com1, Figue1, Ortoño).

223 **de dente** *loc. adx.* [Vaca] que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Arzón, Lous.).

224 **de mamotes** *loc. adx.* Ver EN MAMOTES 1 /226. O noso informante en Teo aplícao a unha xovenca: "Xuvenca de mamotes". (Figue1, Teo).

225 **de** + (núm.) + **dentes** *loc. adx.* [Vaca] que aínda non mudou tódolos dentes de leite. O noso informante en Teo aplícao a unha xovenca: *Xuvenca de catro dentes*. (Alla2, Ribó, Teo).

226 **en mamotes 1** *loc. adx.* [Vaca] que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Arca, Beman., Com4, Figue1, Oroso1, Rus, Sende).

227 **non cambiada de dentes** *loc. adx.* [Vaca] que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Viso1, Viso2).

228 **sin desfecho** *loc. adx.* Ver SIN DESPECHO /230. (Oliv.).

229 **sin despechar** *loc. adx.* [Vaca] que aínda non mudou tódolos dentes de leite. Ribó fala de *xata sin despechar*, Caban. e Rábade: *vaca sin despechar*. (Caban., Rábade, Ribó).

230 **sin despecho** *loc. adx.* [Vaca] que aínda non mudou tódolos dentes de leite. (Alla2, Piñei2, PSil).

A vaca vella turra do arado, a xuvenca deprende ó seu cabo. (VLLM:1,132) [88]

Axunto da vaca vella deprende a ara-la xovenca. (VLLM:1,132) [89]

Axunto do boi vello afeizóase o xuvenco. (VLLM:1,132) [90]

Axunto do boi vello deprende a ara-lo xuvenco. (VLLM:1,133) [91]

Cabe do boi vello deprende a turrar o xuvenco. (VLLM:1,133)

Cando che dan o almallo, acude co barazo. (VLLM:1,137) [92]

Cando che dean a xatiña, acude coa cordiña. (VLLM:1,137) [93]

Cando che digan "Colle a vaca", corre coa baraza. (VLLM:1,137) [94]

---

88 Llópiz recólleo en Serantellos de M. Grandal.

89 Llópiz recólleo en Rendar de M. González.

90 Llópiz di que se refire a arar e a tirar polo carro; recólleo de A. Abizanda.

91 Llópiz recólleo en Canedo (Monforte) de J. Piñeiro.

92 Llópiz: *có*, *acode*; di que o recolle de E. Álvarez Jiménez [sic] (*Refr. agr.*). Supoñemos que se refire ó *Refranero agrícola y metereológico* (sic) *gallego* de Emilio Álvarez Giménez publicado en Pontevedra en 1904; pero nel non figura o tal refrán e o máis parecido di así: *Cando dan a ovella, coller a corda e ir por ela*. Tampouco o atopamos noutro refraneiro que o mesmo Álvarez Giménez publicou en *Ultreya* en 1920.

93 Llópiz: *ca*, *acode*; recólleo de Vicente Risco (*Notas para ...*, Ourense 1954).

94 Llópiz: *cá*; recólleo de J. Piñeiro Cellán en Monforte; di que cadra co cast. *Cuando te den la vaquilla, acude con la soguilla* e co latín *Suscipe cum sacco, quando tibi dona ferantur* (Llópiz por erro di *farantur*), que quere dicir: *recolle cun saco cando che dean de balde*.

¡Ei, miña xatiña! que te hei de munxir cando sexas vaquiña. (VLLM:1,141) [95]
Gado de noviella e potro de yegua viella. (FBB:225) [96]
O crego de Albarellos ten máis touras cós seus novelos. (XSL:67; GILB:124) [97]
O que nace pra novelo non chega a touro. (XTC4)
Touriña de vaca brava sempre turra. (VLLM:1,157) [98]
Trata en novelas e ara con vacas vellas. (XTC4)
Xatiño/xato de xovenca e poldriño de égoa vella. (VLLM:1,156) [99]
Xato de novella e potro de egua vella. (JASA:344) [100]

En unha granxa de porcas
que hai un establo de vacas
ten dous noveliños bos
para que toureen as rapazas. [101]

2.1.5.3. O animal adulto

2.1.5.3.1. A vaca

231 **almalla 2** *s.f.* Vaca cuberta. O nome vénlle do feito de ser cuberta por un almallo. (LG).
232 **areona 1** *s.f.* Vaca. No verbo dos arxinas (XCC,CHG) e na lingua dos telleiros (ALE). (ALE, CHG, XCC).
233 **armalla 2** *s.f.* Vaca adulta. (Ram., Ver1).
234 **bucha 3** *s.f.* Vaca. *Para desteta-lo bucho* [a cría] *non hai como mata-la bucha* [a nai]. (VS3).
235 **gharouxa** *s.f. fam.* Vaca. *As miñas jarouxas andan acolá*. (ERQ1).
236 **liria** *s.f.* Vaca. No barallete. *Tanto sabes arromanar com'a liria cando vai pildar* (tanto sabes falar como a vaca cando vai cagar). No artigo "O barallete" (*R.D.T.P.* IX, 1953, 2º, 185-217) xa dixera Ramón e Fernández Oxea que na xíriga (xerga dos telleiros e canteiros asturianos) denominan *iria* á vaca. (Morei., XCC).
237 **toura 3** *s.f.* Vaca. (JMP).
238 **toura 9** *s.f.* Vaca forte, que turra nas outras. Llópiz defíneo como "vaca fuerte y abusona". (VLLM).
239 **vaca 1** *s.f.* Bovino adulto femia. Dise cando a xovenca *cerra a boca* (cambio total dos dentes mamotes). Otero Pedrayo recolle a forma lixeiramente despectiva *vacola*: *Non é raro o caso da muller que s'ergue pol-a noite pra lle dar â vacola unha presa de cosco do xergón* (ROP1:52). (Común).
240 **xubela** *s.f.* Vaca. Na lingua dos telleiros. (ALE).
241 **do xugo 1** *loc. adx.* [Bovino] do país, que se cría tanto para leite como para o traballo.*Vaca do xugo*. (Arzúa4).

¡Ánimo, tripeiras, que a vaca berra! (VLLM:1,128) [102]
Para desteta-lo bucho non hai como mata-la bucha. (VS3, VS4) [103]

---

[95] Llópiz: *ch'ei de*; corriximos por coidar que é dubidoso que poidese oírlle a un gandeiro de Monforte (S. M. Rubio) un troco de pronome como este.

[96] Bouza Brey engade a seguinte nota: *No lo trae Murguía. Es refrán de dialecto gallego oriental o de Asturias de occidente, que ya el Comendador consideraba como Galicia, según se observa en casos como cuando comenta el refrán: "En Luarca y Codillero (sic) las mujeres beben primero", que pone al pie: 'Luarca y Cudillero, dos lugares de Galicia'. En el refrán, la primera palabra es, en el libro de Núñez, 'Iado', que debe ser errata, y transcribimos 'Gado', a través, quizá, de 'Jado', bien por error, bien por un fenómeno de geada.*

[97] XSL e GILB: *que os*. *Albarellos* hai varios en Galicia e cremos que aquí simplemente está por razón da súa consonancia con *novelos*.

[98] Llópiz recólleo de A. Castro, de Noia.

[99] Llópiz di que así o aconsella a práctica veterinaria e cita a *Zootecnia veterinaria* do Instituto Pecuario de Lugo (Lugo 1945). Lémbrese, non obstante, o refrán *Poldro, de poldrela; becerro, de vaca vella*, e variantes, e o que recollemos do refraneiro asturiano: *Nuvellón de nuvilleya y xatina de vaca vieya*, e que o colector explica deste xeito: *es preferible que la vaca joven tenga como cría un macho y la vaca vieja una hembra* (LC:314).

[100] JASA: *égua*; explica que os mellores becerros obtéñense dos primeiros partos mentres que cos poldros é ó revés.

[101] SCHU1/2/276bis. No texto: *qu'hai, tén.*

[102] Llópiz di que o recolle a súa irmá Mª Victoria en Ferrol en 1953. Tamén corre en Portugal para expresar irritación ou desesperación: *ânimo, tripeiras, que berra a vaca* (DMA:243).

[103] VS4 recólleo en Vilamane, Becerreá.

¡Queda, loba/toura! Deixa comer á outra. (VLLM:1,152) [104]

¿Verbo xido, miña purria
que entervas por arriona?
Hanche llastir os xais
e hanche rusmar a morrona. [105]

Por un camiño estreito
va caminando un bicho,
o nome do bicho
xa o teño dito. [106]

Por unha ponte vai camiñando,
xente non é, ¿que é? [107]

2.1.5.3.2. O boi / o touro

242 **areón** *s.m.* Boi. No verbo dos arxinas (XCC) e na lingua dos telleiros (ALE). (ALE, XCC).

243 **argón** *s.m.* Boi. No verbo daordes. (XCC).

244 **boi 1** *s.m.* Macho bovino, capado ou non. En Paradela, "*boi* é o touro capado e amansado para arar e para o carrexo", o mesmo que en Gro1: "Buey, toro castrado que se emplea como animal de tiro", como os nosos informante de Nove. e Zolle. E igualmente, para Mariño Ferro "os machos capados son os bois" (XRMF4:81). Na Gudiña (Gud7), Laureano Prieto explica que alí non usan a palabra *touro*: *boi enteiro* é o equivalente ó castelán *toro*, e *boi capado* ó castelán *buey*. (Común: Abe., Antas3, Arroxo, Borre., Cadrón, Ced., Cere., Codeso., Corre., Dum., Fózara, Lagar., Laraxe, Lobe., Mira., Negral, Oirán, Ortoño, PCal2, Pedro., Poulo, Rama., Rendal, Ribe1, Somo2, Tabor, Teo, Valen., Viso1, Viso2, Vviño. ILG:215 (C:96, LU:39, OU:25, PO:55)).

245 **boi 7** *s.m. Ú. m. en pl.* Piollo ou ovo. Úsase nas adiviñas. (PM:1039, PM:347).

246 **bou** *s.m.* Boi. (Lava.).

247 **boy** *s.m.* Boi. No galego exterior. (Vill-O).

248 **cabresto 1** *s.m.* Boi manso que vai diante dos touros cunha choca e que lles serve de guía. (ERG).

249 **lirio** *s.m.* Boi. No barallete. Ben-Cho-Shey propuxo unha etimoloxía vasca para esta palabra: *'Lirio', boi, co seu femenino 'liria', de 'iri' ou 'idi' ós que se engadíu unha L* (Morei.:254). Non poñemos nin quitamos. (Morei., XCC).

250 **manso** *s.m.* Boi que serve de guía ós demais do rabaño. (ERG).

251 **boi da vida** *s.comp.m.* Ver BOI PRA VIDA /255. En Paradela disque adoitan ser negros. (Parade.).

252 **boi de ara** *s.comp.m.* Boi adulto que se utiliza para arar. (DRAG, ERG).

253 **boi do carreto** *s.comp.m.* Boi capado, que só se utiliza para turrar do carro. (Ctel1).

254 **boi do país** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Boi gallardo, marelo ou rubio. (Parade.).

255 **boi pra vida** *s.comp.m.* Boi destinado ó traballo, a diferenza dos *bois pra morrer* que son os destinados ó sacrificio. (Parade.).

256 **cinco bois** *loc. s.* Dedos da man. Úsase nas adiviñas. (ANV1:103).

257 **virado** *adx.* [Boi] capado. Supoñemos que vén do lat. *eviratus* que quere dicir precisamente *capado*. (Ctel1).

Cando o trigo é louro, é o barbo coma un touro. (JASA:337; JASA2:349; JASA3:219; UCA2:28; CGP:45; EAG:39; PdM:29; FBB:223) [108]
Cando o trigo é louro, o barbo é coma un touro. (ZM:57; CGP:45) [109]
Cando o trigo está louro, o barbo é coma un touro. (ERG:trigo)
Cando o trigo xa vai mouro, está o barbo coma un touro. (CGP:45)
O barbo é coma un touro cando o trigo está louro. (ERG:barbo; CGP:46; LLB:6; XLFG)
O touro, o galo, a troita e o barbo, no mes de maio. (ERG:maio; CGP:46; XTC4) [110]

---

[104] Llópiz: *louba* (que corriximos por consideralo hipercorrección do paremiólogo), *â*; explica que tal se lle di ás vacas que, estando ó xugo, comen tanto que non deixan comer ás outras.

[105] Lama2:160. Mostra da xerga dos canteiros (verbo dos arxinas). A súa tradución é: *¿Como estás, miña patrona, / que entendes por vaca? / Hanche roubar os cartos / e hanche foder a filla*. O *Verbo xido* dise, noutros casos, que era un vello xuramento polo *Verbo unxido*, denominación bíblica da segunda persoa da Santísima Trindade.

[106] A vaca. TCha:100.

[107] A vaca. Gud5:30.

[108] No texto: *com'un* (EAG, JASA); *e louro, e o barbo* (PdM); *como* (FBB). Ver tamén nota a este mesmo refrán na epígrafe 12.3.7. *Xullo*.

[109] No texto: *como un touro* (ZM); *está coma un touro* (CGP).

[110] ERG: *i o barbo*.

Touro e galo, troita e barbo, todo en maio. (VS) [111]
De antre o touro e o boi, navalla de capador/ coitelo de castrador. (VLLM:1,142) [112]
Do toro ó boi, a navalla do castrador/capador. (VLLM:1,140) [113]
Do toro ó boi sólo vai un castrador. (VLLM:1,140)
Entre o touro e o boi, o coitelo capador. (VLLM:1,142) [114]
O que nace pra novelo non chega a touro. (XTC4)
Quen perde o almallo, lle busca o chocallo. (VLLM:1,152) [115]
Touriño e muller onde aches dos teus. (VLLM:1,154) [116]
Touro e muller da túa terra deben ser. (VLLM:1,154)

Botade leña a ese lume
anque sea de loureiro,
que vai salir a bailar
este touro charrasqueiro. [117]

Cando botáre-lo gado
atráncalle un rangalleiro
que o almallo é danío
e pódese ir ao lameiro. [118]

Teño unha herba na horta
que lle chaman 'rompe-rompe',
teño un perico na corte
queira Deus que non te monte. [119]

Teño unha herba na horta
que lle chaman 'te-lo burro',
teno ti por muitos anos,
cara de almallo colludo. [120]

Teño unha herba na ihorta
que lle chaman 'tente-burro',
tente ti por moitos anos,
cara de almallo colludo. [121]

Teño unha iherba na ihorta
que se chama o 'tente-burro',
para ti falar comigho
cara de armallo colludo. [122]

Velaí vén o touro bravo,
velaí vén polo terreiro;
o aire levoulle a capa
e o vendaval o sombreiro. [123]

2.2. Etnoloxía

Os bóvidos son animais mamíferos diungulados, ruminantes, selenodontes (os dentes adoptan forma de media lúa) e cavicornios (os cornos presentan unha base ósea oca sobre a que teñen un estoxo córneo). Carecen de dentes incisivos no maxilar superior e teñen 8 no inferior, cun total de 32 pezas na súa fórmula dentaria.

[111] No texto: *mayo*. VS ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Touro galo, e barbo, todos têm sazão em maio* (Chaves), *Touro galgo* (ou *galo*) *e barbo, todos têm sazão em maio* (Chaves); E.: *El toro y el gallo, en el mes de mayo* (Correas), *Toro y gallo, trucha y barbo, todo en mayo* (Correas).

[112] Llópiz: *D'antre*; recólleo de J. F. Losada, profesor veterinario. Estes refráns que marcan a diferenza entre *touro* e *boi* teñen tódalas trazas de seren adaptados do castelán, onde *toro* é sempre o macho enteiro, e *buey* é cando está capado, diferenza que en galego non se adoita facer e case sempre se emprega a forma *boi* para as dúas situacións.

[113] Llópiz: *toro* (sic); recólleo de M. Castro en Sarria.

[114] Recólleo de B. Andrade, profesor veterinario.

[115] Llópiz presenta este refrán de irregular colocación do pronome, recollido de Gil Portas en Pontevedra; explica que o busca por montes e vales, tentando senti-lo chocallo que leva sempre colgado.

[116] Llópiz explica que *touriño* é aquí o touro elixido para a reprodución e que, se se quere conserva-la raza autóctona de bovinos, cómpre que non sexan doutras razas ou países.

[117] Lama2:86.

[118] LimiaB:55. No texto: *botarelo gado.*

[119] Camb1:87. Aínda que *perico* adoita empregarse para denominar un carneiro novo (Compostela, O Grove, Marín, Valadouro e Cedofeita), tamén se utiliza para designar a un becerro que intenta cubri-las vacas (Feás e Melide) e mesmo a un boi semental (Melide), segundo recolle C. García (*Glosario de voces galegas de hoxe*).

[120] SCHU5/2/157c. No texto: *teñ'unha, d'almallo.*

[121] SCHU5/2/157b. No texto: *teñ'unha, d'almallo.*

[122] SCHU5/2/157a. No texto: *teñ'unha, d'armallo.*

[123] DBP:1398, JASA:134 (Cant. 964). No texto: *terreiro* (DBP); *Vel-ehí ven, vel-ehí ven po-lo turreiro, levoull'a, y-o* (JASA).

A familia *Bovidae* comprende diferentes subfamilias, entre elas os *Antilopinae* (gacelas e antílopes ananos), *Caprinae* (cabra, ovella, rebezo, muflón) e *Bovinae* (bois, bisontes, búfalos, certos antílopes). Esta última é a que agora nos interesa. Presentan a base ósea do corno oca ata case a punta, como unha prolongación dos seos frontais (e pola contra, nos antilopinos é maciza en toda a súa extensión e nos caprinos a cavidade só existe na base). Os bovinos caracterízanse por te-la fronte ancha, ocupando o óso frontal case toda a parte anterior da cara, fociño ancho e húmido, pescozo potente e curto, cunha papada que é un prego da pel que percorre a parte inferior do pescozo.

Para a **clasificación taxonómica** seguimos, basicamente, o criterio establecido polo *Consejo Superior de Investigaciones Científicas* no seu proxecto *Fauna Ibérica* [124].

Dominio	**Eukarya**	Eucariotas: seres vivos dotados de células con núcleo.
Reino	**Animalia** ou **Metazoa**	Animais: seres vivos pluricelulares, heterótrofos, aerobios e de reprodución sexual.
Subreino	**Eumethazoa**	Animais con corpos diferenciados en tecidos separados, con músculos e sistema nervioso, e unha cámara dixestiva interna.
Filo	**Chordata** (Batenson,1885)	Cordados: animais cun cordón nervioso dorsal [125].
Subfilo	**Vertebrata**	Vertebrados: cordados provistos de cranio e esqueleto – cartilaxinoso ou óseo- que comprende unha columna vertebral.
Grupo	**Tetrapoda**	Dotados de catro extremidades.
Superclase [126]	**Gnathostomata**	Vertebrados provistos de mandíbula articulada.
Clase	**Mammalia**	Mamíferos: homeotermos, coa pel cuberta de pelo, un esqueleto dividido en tres rexións ben diferenciadas (cabeza, tronco e extremidades), respiración pulmonar, circulación dobre e completa e provistos de glándulas mamarias coas que alimentan as crias.
Subclase	**Theria** (Parker e Haswell, 1897)	Mamíferos vivíparos, nos que o embrión se alimenta a través dunha placenta.
Infraclase	**Eutheria** (Husley, 1880) ou **Plancentalia**	O embrión desenvólvese dentro do útero materno. Presentan dúas denticións distintas ó longo da vida (de leite e permanente).
Orde	**Artiodactyla** (Owen, 1848)	Artiodáctilos: mamíferos ungulados (que apoian e camiñan sobre o extremo dos dedos) con dedos pares revestidos de uñas. Carecen de clavícula.
Suborde	**Ruminantia** (Scopoli, 1777)	Ruminantes: herbívoros estritos que regurxitan o alimento para mastigalo por segunda vez (remoeira). Caracterízanse polo especial desenvolvemento do aparato dixestivo, cun estómago composto dividido en catro cámaras: panza, bonete, libro e calleiro.
Superfamilia [127]	**Bovoidea** (Simpson, 1931)	Dotados normalmente de grandes cornamentas. Carecen de incisivos e caninos superiores.
Familia	**Bovidae** (Gray, 1821)	Bóvidos: ruminantes con cornos ocos e persistentes sobre unha matriz ósea.
Subfamilia	**Bovinae** (Gray, 1821)	Bovinos: bóvidos de fociño ancho e nu, grandes cornos e rabo longo cunha borla no extremo
Xénero	**Bos** (Linnaeus, 1758)	
Especie	***Bos taurus*** (Linnaeus, 1758) **= (*Bos primigenius***, Bojanus 1827)	Boi doméstico

[124] http://www.fauna-iberica.mncn.csic.es/faunaib/chordata/mammalia/artiodactyla.php [18.12.2009]. Outros autores simplifican notablemente esta clasificación taxonómica. Segundo o *Catalogue of life 2008* sería así: reino *Animalia*, filo *Chordata*, clase *Mammalia*, orde *Artiodactyla*, familia *Bovidae*, xénero *Bos*, especie *Bos taurus* Linnaeus, 1758 (http://www.catalogueoflife.org/show_species_details.php?record_id=5204160 [18.12.2009]).

[125] Ademais dos vertebrados clásicos (peixes, anfibios, réptiles, aves e mamíferos) inclúe os anfioxos e lampreas, antes estudados dentro dos peixes.

[126] Outros autores dan a este taxon a categoría de infrafilo.

[127] Outros autores designan este taxon como infraorde *Pécora*.

Existen diferentes teorías que tratan de explica-la orixe da especie. Para uns científicos, o antecesor común hai que buscalo no uro (*Bos taurus primigenius*, Bojanus 1827), un boi salvaxe que habitaba nos bosques de Europa e Medio Oriente [128]. Este deu lugar ó *Bos taurus brachyceros* e deste último descenden tódalas razas actuais. Para outros autores, estas dúas especies proceden de distintas poboacións de uros prehistóricos e deron lugar, por diferentes camiños, ó boi actual.

Recentes achádegos arqueolóxicos publicados en 2010 puxeron de manifesto que o uro tamén estivo presente en Galicia. A paleontóloga Aurora Grandal, do Instituto Xeolóxico Parga Pondal da Universidade da Coruña, atopou nunha sima dos montes do Courel os restos de tres exemplares de uro cunha antigüidade estimada nus 8.000 anos [129].

A domesticación do boi non foi realizada nun único lugar nin a partir dunha mesma poboación de animais. Parece ser que as primeiras probas de uros domesticados se atoparon en Grecia e datan de hai 8.500 anos. Na India, a domesticación foi posterior, e deu lugar ó cebú actual. Só 1.000 anos antes de Cristo realizouse o propio coas poboacións de uros do norte de África, que posteriormente se introduciron na península Ibérica.

Falando xa do uro salvaxe, a súa área de distribución foi reducíndose progresivamente tanto como consecuencia da caza como, sobre todo, pola redución das áreas boscosas nas que vivía, a base de gañar terreo para aproveitamento agrícola e para crear pastos para os bois domésticos. Antes da época romana xa se extinguiran do norte de África, India, Mesopotamia e costas do Mediterráneo, permanecendo no centro e sur de Europa, de onde se capturaban para os circos romanos [130]. Na baixa Idade Media só abundaban no este de Alemaña e no século XVI só quedaban, cada vez menos, nalgúns bosques polacos. En 1564 o censo era unicamente de 38 exemplares, que se reduciron a 5 en 1602. Nos anos seguintes cazáronse catro deles e o último, unha femia, morreu por causas naturais en 1627. En 1920 dous xenetistas alemáns, Luts e Heinz Heck, intentaron reconstituílo a partir de diversos cruces nos zoolóxicos de Munich e de Berlín e hoxe existe o uro reconstituído, do que hai exemplares en zoolóxicos alemáns e franceses.

Coa conversión do uro salvaxe en boi doméstico, o home buscaba primeiro asegura-la provisión de carne: ó te-los rabaños preto da aldea non era necesario recorrer á caza para obte-lo alimento, sempre máis perigosa e menos segura. Nesa época, a man do home non interviña na reprodución do seu gando e unicamente eran os factores ambientais os que condicionaban e modificaban as características dos animais. As diferenzas que se puideron presentar nas nacentes agrupacións raciais obedecían só á climatoloxía da zona na que se criaran, que determinaba temperaturas, pluviosidade e, consecuentemente, alimentación.

Co paso do tempo, comezou a aproveita-la súa forza como animal de traballo para o carreto e só en épocas relativamente recentes, comezou a muxi-las vacas para aproveita-lo seu leite. Comezou, sen sabelo realmente, a intervir na selección primando aquelas características que máis lle interesaban e controlando os cruzamentos, que deixaron de ser libres para ser, máis ou menos, dirixidos a conseguir máis exemplares que presentasen esas mesmas características. Nace así o que sería o primeiro esbozo da zootecnia –aínda que non acadará a condición de ciencia ata o século XIX- e aumentan con ela as diferenzas entre aquelas agrupacións raciais, á vez que se van fixando e perpetuando na descendencia.

No caso do vacún a selección baseouse na produción de traballo, primeiro, e de carne e leite, despois. Dun xeito intuitivo, os primeiros gandeiros foron seleccionando os exemplares máis produtivos nunha ou noutra destas tres aptitudes, desenvolvendo razas cada vez máis especializadas para desembocar, xa no último século, na verdadeira zootecnia que utiliza para o mesmo fin criterios xenéticos cada día máis sofisticados.

Na actualidade, o gando vacún está distribuído en practicamente todo o mundo, representado por innumerables razas. As características fenotípicas de cada unha delas están hoxe perfectamente establecidas e tipificadas nos libros xenealóxicos que manteñen os diferentes gobernos e as asociacións de gandeiros.

---

[128] Diferente do bisonte europeo, *Bison bonasus*, especie tamén extinta coa que se confundiu ata principios do século XIX, cando Bojanus demostrou que eran especies diferentes.

[129] "Descubren en O Courel los restos humanos más antiguos de Galicia", en *La Voz de Galicia* 12.03.2009. Na mesma sima atopáronse tamén restos humanos de entre 8.000 e 10.000 anos de antigüidade, o que duplicaría a primeira evidencia da presenza humana en Galicia, que ata ese momento estaba representada polos restos achados en Becerreá e Valdeorras, duns 5.000 anos de antigüidade.

[130] No antigo Epiro, que hoxe colocariamos entre o noroeste de Grecia e o sur de Albania, había na antigüidade unha raza bovina moi sonada que era a de Larinos. Larinos disque fora un pastor que, cando por alí pasou Heracles cos bois que lle roubara ó xigante Xerión, conseguiu que Heracles lle regalase unhas parellas ou que conseguiu roubarlle a Heracles unhas parellas.

2.2.1. Razas autóctonas galegas

O asentamento das poboacións humanas e o aproveitamento sostido dos recursos que tiñan á man produciu, ó longo de séculos, modelos agrícolas e gandeiros perfectamente adaptados ó medio. No que a nós nos interesa, deu lugar a razas bovinas capaces de aproveita-los escasos recursos de que dispoñían á vez que proporcionaban o rendemento de carne, leite e traballo que se lles esixía. E facíano de forma autónoma e adaptándose ó pasto variable que a xeografía e a meteoroloxía lles proporcionaban. Estas razas autóctonas, eminentemente rústicas, foron claramente superiores a calquera outra raza foránea mentres se mantiveron esas circunstancias. Foi o cambio das características dos ecosistemas e as maiores esixencias produtivas o que desequilibrou a balanza e abriu o camiño ó gando foráneo, levando estas razas autóctonas ás portas da extinción.

De tódalas razas vacúas galegas, a Rubia galega era a única que presentaba un futuro sen perigo e en franca expansión [131], mentres que as outras, agrupadas baixo a denominación común de *morenas do Noroeste*, arrastraban dende hai xa moitos anos unha situación de declive continuo e progresivo. Ende ben, a Consellería de Agricultura conseguiu deter este declive cun programa de recuperación e conservación que estableceu no ano 1991 e que hoxe se segue desenvolvendo con notable éxito. Con este programa, no que se rexistraron inicialmente tódolos exemplares ós que se lles estimaba como mínimo un 75% de pureza, e coa creación do *Centro de Recuperación e Preservación de Razas Autóctonas* no pazo de Fontefiz (Ourense) [132] evitouse a desaparición destas razas autóctonas que se atopaban en inminente perigo de extinción. Aínda admitindo certas limitacións económicas e produtivas destas razas, en comparación coa cría doutras que lle poden dar ó gandeiro un beneficio máis directo e inmediato, a súa conservación representa salvar un patrimonio xenético galego e unha rendibilización do medio no que viven, de duras condicións climáticas e xeográficas que non permitirían outros usos gandeiros.

Tampouco podemos esquecer outro tipo de beneficio xerado pola cría destas razas rústicas: recuperación de prácticas culturais tradicionais, mantemento da paisaxe e fixación da poboación ó medio, sobre todo en zonas que, polo seu illamento, sufriron máis o abandono rural (Fontefiz:81; IBP).

No seguinte texto reflíctese a situación de partida (*inminente perigo de extinción*), as causas que levaron as razas vacúas galegas a esa situación e as razóns que impulsaron este programa de recuperación [133]:

> *No último século, a revolución agrícola e industrial, coa consecuente mecanización e automatización das respectivas cadeas de producción, provocaron o descenso de exemplares de razas rústicas, non seleccionadas para a producción intensiva de alimentos con destino ó consumo humano. O desequilibrio entre a producción e a demanda de productos alimenticios fixo que os agricultores importaran ou seleccionaran determinadas razas con maiores potenciais de rendemento en producción intensiva para poder abastece-la demanda de alimentos da poboación e, ó mesmo tempo, sobrevivir nun mercado cada día máis esixente e competitivo, aínda que en detrimento, na maioría das ocasións, da calidade dos seus productos.*
>
> *O interese pola preservación dos recursos xenéticos autóctonos, como valores sociais, culturais, ambientais e económicos, foi crecendo nas últimas décadas, en parte como resposta ás indicacións dadas por diversas organizacións mundiais, derivada do coñecemento dos desequilibrios ambientais e perda da biodiversidade que se están a producir.*
>
> *A Xunta de Galicia, sensible á necesidade de conserva-las tradicións histórico-culturais máis arraigadas do noso pobo e a enorme riqueza de recursos xenéticos animais que Galicia posúe, está realizando, a través da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, un esforzo humano e económico, sen precedentes, dirixido cara á recuperación e conservación da valiosa e variada reserva xenética das nosas razas autóctonas, financiando estudios e infraestructuras, fomentando o asociacionismo gandeiro, proporcionando*

[131] Francisco Lamas, do que máis adiante citarémo-la súa opinión eloxiosa da raza Vianesa, daba en 1918 este negro prognóstico do futuro da raza Marela: *D'a outra casta bermella moi poucos temos de fiar, pois nin é leiteira nin d'arrobas; decote vai esmorecendo e dexenerando, de forma que pouca espranza fica de que se repoña xamais*. Este prognóstico non se cumpriu, afortunadamente, e no capítulo 7.1. *Selección e mellora gandeira* explicarémo-lo nacemento do proceso de selección do gando rubio que o levou á aventaxada situación actual.

[132] Hoxe, *Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia*, no que se conseguiu a fixación e recuperación non só das nosas razas vacúas senón tamén do cabalo galego, o porco celta, a ovella galega, a galiña de Mos e as razas caninas *can de palleiro*, guicho, perdigueiro e podengo.

[133] Fontefiz:11-12. Desta mesma obra proceden boa parte das descricións que damos neste traballo das diferentes razas e mailos datos censuais e de distribución xeográfica.

apoio técnico, apoiando o mantemento de exemplares das distintas razas, fixando os patróns raciais, publicando a normativa reguladora dos distintos libros xenealóxicos e colaborando con distintas entidades e asociacións para a protección e conservación das distintas razas.

No ano 1991, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, esbozou, dentro do Plan Integral de Mellora Xenética, as liñas básicas do Programa de Recuperación das razas bovinas autóctonas de Galicia, Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa, hoxe coñecidas como as "Morenas Galegas". Nos seguintes anos puxéronse en marcha os Programas de Preservación, Conservación e Fomento das razas Cabalo de Pura Raza Galega, Porco Celta, Ovella Galega e, xa no ano 2000, o da raza Galiña de Mos e as catro razas caninas autóctonas Can de palleiro, Guicho ou Quisquelo, Perdigueiro Galego e Podengo Galego, estando actualmente en fase de estudio os programas sobre a raza Cabra Galega e o das razas asnais de Galicia.

Na actualidade, a continuación das actividades de recuperación e conservación deste acervo xenético, dentro do Programa de Mellora Gandeira de Galicia, permite observa-los notables e alentadores logros alcanzados, facendo que o inminente perigo de extinción que ameazaba a estas razas estea nestes momentos reducido.

Outra observación que cómpre facer respecto ó precario estado das razas autóctonas galegas a primeiros do século XX é a indefinición na que se atopaban, non constando sequera como razas galegas. Cando Vicente Risco describe en 1922 a gandería da provincia de Ourense (VR9:10,157-161) di que as razas bovinas presentes eran catro: dúas españolas (*ibérica* e *gallega*) e dúas portuguesas (*galluda* ou *barroçao* –"aquí llamada *cartellá*", di- e *soaxa*). Como iremos vendo nas epígrafes seguintes, a primeira é a que hoxe se identifica como vianesa, a segunda é a rubia galega, a terceira é a *cartellá* portuguesa e a cuarta é a cachena. Mesturaba a limiá coa vianesa, negaba a galeguidade da cachena e esquecía a caldelá e a frieiresa.

Inventario de razas vacúas autóctonas galegas [134]				
Raza	Vallejo 1978	De Juana 1979	Avon 1990	MAPA 1979
Cachena	R	D	R	--
Caldelá	PA	D	PA	PE
Limiá	PA	R	PF	EO
Mirandesa	R	VD	R	--
Frieiresa	--	--	--	--
Rubia Galega	SP	SP	SP	F
Verinesa	D	VD	--	EO
Vianesa	PA	VD	PF	EO

Como diximos, o programa de recuperación das razas autóctonas veu modificar substancialmente esta situación e na actualidade pódese considerar superada esa ameaza de extinción. No cadro seguinte reflíctense os censos cos que se comezou a traballar en 1991 comparados cos censos a 31 de decembro de 2009, desagregando estes datos por idades [135]. O incremento do 1.000% no caso das vacas e de case o 600% nos censos totais resulta espectacular.

[134] Cadro tomado parcialmente de RBG-I: 214, que recolle a situación ata 1979 dun total de 42 razas autóctonas españolas, segundo os diversos autores e os datos oficiais do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (MAPA). O censo da raza Rubia galega en 2005 está quitado en novembro de 2009 de www.acruga.com (Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega). Faise notar que a que se coñecía como *Mirandesa* mesturaba exemplares da raza portuguesa do mesmo nome e mais da Frieiresa e que a raza *Verinesa* está considerada hoxe como unha variedade local da Vianesa. As claves significan o seguinte: D: Desaparecida, EO: Estudo e observación, F: Fomento, PA: en perigo actual, PE: Protección especial, PF: en perigo futuro, R: Reliquia, SP: Sen perigo, estable, VD: en vías de desaparición, --: non citada.

[135] Na columna *Vacas* recóllense as femias de máis de 24 meses; como *novelas*, as femias de menos de 24 meses; como *sementais*, os machos en monta natural en explotacións; como *novelos*, os machos non en monta natural. O *total* reflicte as sumas totais de cabezas de cada raza, e baixo o concepto de *ganderías*, as ganderías rexistradas oficialmente de cada raza. Cómpre advertir que na web da Consellería de Medio Rural (http://mediorural.xunta.es/areas/gandaria/razas_autoctonas/bovina/) poden consultarse os censos anuais das razas autóctonas desde 1991 ata 31.12.2007, así como tamén no libro *Razas bovinas autóctonas en perigo de extinción*, editado pola Consellería en 2001. Estes censos, especialmente o referido ós primeiros anos dos que se teñen datos, non coinciden cos que ofrecemos agora neste cadro porque houbo cambios na metodoloxía da toma de datos que modificaron a clasificación por idades e porque nun principio se tiñan en conta os gandeiros non colaboradores (que tiñan exemplares non puros). Así mesmo, o sistema de identificación de gando bovino imposto a partir de 1998 permitiu garanti-lo número e a idade de tódolos exemplares censados. Por todas estas razóns, consideramos máis fiables os datos que ofrecemos aquí.

	VACAS 1991	VACAS 2009	% INCREMENTO 1991-2009	NOVELAS 2009	SEMENTAIS 2009	NOVELOS 2009	TOTAL 2009	% INCREMENTO 1991-2009	GANDERIAS 2009	% INCREMENTO 2008-2009
RAZA CACHENA	136	2201	1.518,38%	1211	136	603	**4.151**	588,39%	159	10,42%
RAZA CALDELÁ	30	745	2.383,33%	365	65	239	**1.414**	491,63%	59	3,51%
RAZA FRIEIRESA	16	342	2.037,50%	193	29	91	**655**	619,78%	29	7,41%
RAZA LIMIÁ	33	341	933,33%	193	31	87	**652**	649,43%	40	8,11%
RAZA VIANESA	194	962	395,88%	484	64	226	**1.736**	668,14%	75	1,35%
BOVINAS GALEGAS	**409**	**4.591**	**1.022,49%**	**2.446**	**325**	**1.246**	**8.608**	**590,85%**	**362**	**6,78%**

▸ FONTE: José Ramón Justo Feijóo. Federación de Razas Bovinas Autóctonas de Galicia (BOAGA). Pazo de Fontefiz (Coles).

Boa parte da información que temos para este capítulo procede do arquivo do ILG, onde había unha pregunta verbo de 'nomes de vacas segundo a raza' e outra de 'nomes de vacas segundo a cor'. Analizada toda esa información observamos que, dentro dunha global coherencia, aparecen respostas que parecen designar unha vaca pola cor aínda que responden á pregunta da raza; e viceversa. Igualmente, puidemos observar que resulta moi frecuente que as denominacións segundo a cor ou a raza rematen converténdose en nomes propios. É dicir, en moitos casos non está claro se as denominacións populares se basean na color da capa ou na morfoloxía racial. Nos casos nos que todo indica que se basean na color da capa (*corza* ou *mora*) aínda que a resposta estea entre as das razas, decidimos pasalas ó apartado das capas; e nos casos nos que todo indica que están pensando en elementos raciais (*asturiana, caldelana, holandesa, pasiega, pinta, rubia*) decidimos pasalas ó apartado das razas, aínda que a resposta apareza entre as das capas. Sabemos que esta opción é discutible pero coidamos que así facemos xustiza ó que o informante orixinal seguramente quixo dicir e non dixo.

Hai un par de casos que merecen unha observación. Popularmente está moi estendida a denominación de *vaca do país* para calquera destas razas no seu territorio natural, de xeito que en Viana do Bolo lle chaman *vaca do país* á vianesa, mentres que na Limia chámanllo á limiá; no Xurés, á cachena; e en Pontevedra ou na Coruña á rubia ou marela. A recente regulación da gandería realizada pola Xunta de Galicia eliminou da documentación oficial esta imprecisa denominación de *vaca do país.*

Parece acontece-lo mesmo coa denominación de *portuguesa*, que temos recollido en diferentes lugares para designar vacas con distintas disposicións dos cornos. Así, en Melias e Mosen. designa unha vaca cos cornos grandes e abertos; en Morga. (coa forma *portughesa*), é unha vaca cos cornos cara adiante; en Sabu3, unha vaca cos cornos cara arriba; e en Busta., cos cornos cara atrás. Sabido é que os lindeiros das áreas de distribución das razas vacúas, como tódalas fronteiras non deseñadas con criterios políticos, son vagas e permeables, de modo que exemplares portugueses (nomeadamente de raza mirandesa) entraban en Galicia, do mesmo xeito que exemplares galegos marchaban a Portugal. A cachena galega (ou *pisca* portuguesa) é un bo exemplo deste movemento xeográfico e pode explica-las diferentes descricións que nos dan os nosos informantes da disposición da súa corna e que nós unificamos nunha única entrada. Mantemos, non obstante, como entradas independentes as *portuguesas* que parecen denominar exemplares de razas efectivamente portuguesas.

Actuamos do mesmo xeito coa voz *pisca*, que clasificamos como nome de raza pero que unificamos nunha única entrada cando designa vacas cos cornos grandes e abertos, cara adiante, cara arriba ou cara atrás, segundo as descricións dos distintos informantes.

En 2.2.3. ofreceremos dous pequenos grupos de denominacións claramente imprecisas (*vaca de leite, leiteira, recastada, crusada ...*) ou que non nos permiten aproximar sequera a raza en cuestión (*corza, cabañesa, francesa, rebeira...*).

2.2.1.1. Raza marela ou rubia galega

Cómpre antes de máis nada advertir que baixo a denominación oficial de *raza rubia galega* se comprenden vacas de diferentes capas: a marela, a rubia, a teixa e a varela: unha mesma raza con distintos fenotipos ou caracteres externos (color, tamaño, liña dorsal, disposición dos cornos, aptitudes etc.).

A palabra *rubio* é, neste caso, algo conflitiva, porque en castelán esta palabra é sempre sinónima de 'dourado' mentres que en galego (polo menos para unha boa parte dos galegos) a cousa é diferente. Por poñermos algúns exemplos, en Razo, Com1, Cod., Gro1, Per., Burón, Incio, Gud. Vil. e Laxe entenden

o *rubio* como "encarnado"; mentres que en San., Mel1, Oirós, Ced. Ped1, Ram. Xun., Cal., Gud. e Vala. aplícano á "vaca de cor amarelenta". Para Eladio Rodríguez e Franco Grande *rubio* é "de color rojo claro. Sonrojado: *Rubio de vergonza*" e, cando nos referimos a peixes, paxaros ou espigas de millo, *rubio* equivale claramente a "vermello". Mesmo existe a color *vermello de vaca.* Pódese dicir que o galego *rubio* corresponde ó castelán *rojo* e que o galego *roxo* corresponde ben ó castelán *rubio.* Pénsese que no xogo das adiviñas as brasas ocúltanse na metáfora de *vacas rubias*

Unha corte chea de vacas rubias,
vai unha negra e tórnaas todas. [136]

Por iso é ambigua esta denominación de *rubia galega.* Numericamente é máis abundante a capa marela cá capa rubia, polo que deducimos que a denominación oficial está pensada en castelán (*rubia galega* equivalente a "marela", que é a maioritaria) e, se fose pensada en galego, probablemente estariamos falando de *raza marela galega*, aínda que morfoloxicamente nos catro casos (marela, rubia, teixa e varela) esteamos falando da mesma raza.

Esta raza, característica de Galicia, é, con diferenza, a raza bovina autóctona máis numerosa de España. Está considerada como de triple aptitude: carne, leite e traballo, aínda que os programas de selección e mellora gandeira ós que a someten dende hai anos fixérona evoluír cara á aptitude cárnica mantendo unha aceptable produción leiteira.

Ata primeiros do século XX, considerábase dividida en dúas subrazas ou variedades: a *valesa* ou *mariñán*, nas provincias costeiras, e a *de montaña*, na Galicia interior. Distinguíanse tamén dúas capas: a *teixa* ou *vermella*, de cor rubia, e a *marela*, de cor clara ou abrancazada. En calquera caso, un gando rústico, cativo e fraco. É máis que probable que contribuíse a esta degradación da raza a exportación masiva dos mellores exemplares ó mercado inglés (que describiremos con detalle na epígrafe 10.12.2. *Exportación de gando galego a Inglaterra e a Portugal*).

En 1906, Pedro González Fernández fixo a primeira caracterización da raza [137] pero foi Rof Codina en 1916 quen estableceu definitivamente os parámetros raciais e produtivos. Da importancia e difusión desta raza dá idea o feito de que o estándar racial fose fixado xa en 1933, pola *Dirección General de Ganadería*. Daquela, a morfoloxía requerida incluía, entre outras cousas, un peito ancho e arqueado, con maior capacidade torácica, e unhas patas ben asentadas e resistentes como animal de traballo.

A necesidade de mellora-la raza parecía evidente. Con este obxectivo enfrontándose dúas alternativas: a selección dos exemplares máis puros, por unha banda, e a mellora mediante cruzamentos de razas de carne estranxeiras, por outra. Foi esta segunda opción a que se adoptou, xa que permitía obter resultados a máis curto prazo, e así comezaron as importacións de exemplares de razas suízas (como a pardo alpina ou a Simmental, raza suíza selecta, que tamén reunía as tres aptitudes, predominando a cárnica, e que indubidablemente deixou a súa pegada na rubia galega de hoxe) e razas inglesas (Aberdeen, Hereford e Durham); así como tamén de raza frisoa. Os resultados, en efecto, entusiasmaron os gandeiros, que comezaron a substituí-las vacas do país polas mestizas así obtidas, pero pronto se comprobou que este método só conducía a unha dexeneración da raza galega, polo que a partir de 1944 decidiuse abandona-los cruzamentos e segui-la liña da selección por produción láctea e cárnica.

A situación da raza, en canto produción e número de exemplares de suficiente pureza, mellorara xa considerablemente: os parámetros dos exemplares expostos nun concurso nacional celebrado en Madrid en 1913 eran de 134 cm de altura da cruz e 603 kg de peso vivo; noutro concurso celebrado en Lugo en 1958, a altura da cruz era xa de 150 cm e o peso vivo de 1.000 kg, námbolos dous casos sobre animais adultos de 44 meses de idade (DC: 27-31).

Actualmente, o estándar racial [138] establece que a cor debe ser *rubia* de tonalidade uniforme, admitíndose algunhas degradacións de tonalidade centrífugas na bragada, cara interna e posterior das coxas, partes distais das extremidades, xema do rabo, morro e ó redor do ollo. Denomínase *teixa* a capa estándar, permitíndose

[136] O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.140.

[137] As primeiras medidas de selección da *raza do país* datan de 1906, se ben xa no século XIX se iniciaron os cruzamentos con sementais das razas Simmental, Durham, Hereford etc. para mellora-la produción cárnica dos becerros galegos. Véxase a epígrafe 7.1. onde desenvolvémo-la selección e mellora gandeira.


[138] LSG.

oscilacións desde cores máis claras, capa *marela*, a máis escuras, capa *vermella*. Considéranse rexeitables para a pureza da raza calquera mancha de cor distinta á da capa en calquera parte do corpo. As mucosas serán sonrosadas e os pezuños e cornos de cor clara, desde branco rosado ó castaño, con algún escurecemento nas puntas, rexeitándose os cornos de cor negra ou pizarrosa. O pelo será espeso, brillante, fino e liso.

Cabeza lixeiramente subconvexa, orellas relativamente grandes e con fortes e longos pelos no pavillón, da mesma cor cá capa, ollos rodeados dun halo máis claro cá cor da capa, cornos dirixidos cara adiante e arriba, considerándose beneficiosa a diminución do seu tamaño. Pescozo forte, curto e musculado nos machos, e fino e delgado nas femias; de bordo superior convexo naqueles (*xugueira*) e recto nestas; barbada discontinua e de perfil flexuoso. Cruz pouco destacada. Tórax profundo e arqueado. Liña dorso-lumbar horizontal, ancha, plana e musculada, buscándose elimina-la tendencia a elevarse no nacemento do rabo. Ancas horizontais, amplas e de forma cadrada. Coxas moi musculadas e convexas, pero sen depresións nin irregularidades ó exterior. Rabo de nacemento lixeiramente alto (carácter que debe eliminarse). Patas robustas e non moi longas, con pezuños redondeados, pechados e de tamaño proporcionado.

O *Libro Xenealóxico da raza rubia galega* establece as seguintes medidas zoométricas para os exemplares adultos:

Carácter	Machos	Femias
Alzada á cruz	145 cm	135 cm
Alzada á croca	144 cm	137 cm
Perímetro torácico	222 cm	192 cm
Peso vivo	850 kg	550 kg



Vaca rubia galega na feira de Salgueiriños (Santiago).

Da páxina web da *Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega* [139] tomámo-los seguintes datos produtivos:

- Raza de altas cualidades maternais, facilidade de parto (98% de partos fáciles), lonxevidade (21 anos), rusticidade e facilidade de adaptación a medios adversos.
- Idade ó primeiro parto de 26 meses, con intervalo entre partos de 409 días.
- Produción de leite, na terceira lactación, de 2.239 kg en 296 días, cun 4,4% de materia graxa.
- Elevado índice de crecemento, con ganancias medias diarias despois do destete de 1.885 g nos machos e de 1.375 g as femias, cun índice de conversión de 4,65 e 4,71 respectivamente. Alcanza pesos de 533 kg ós 12 meses.
- Alto rendemento da canal, do 62,7%, e de pezas de categoría extra e primeira (42,26%).

[139] http://www.acruga.com/ [1.04.2008].

258 **vaquelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Vaca de raza marela, de pequena talla, que vive en pastoreo permanente no Cuadramón ou na Corda de Neda (territorio nororiental da lingua galega). "No todas las vacas de raza rubia gallega existentes en Galicia responden al fenotipo descrito como modelo de estándar racial. No se puede comparar una vaca de los municipios próximos a Lugo, inscritas en el Libro Genealógico, con una vaca en pastoreo permanente en O Cuadramón o en A Corda de Neda, donde las vacas rubias son tan pequeñas que las llaman *vaquelos*". (PIH:203).

259 **ruba *gallega** *loc. s.* Ver RUBIA GALEGA /260. (Noalla).

260 **rubia galega** *loc. s.* Vaca de raza marela autóctona de Galicia. *A rubia galega obtida responde ós intereses que prevalecen no agro galego ata os anos setenta: ara, tira do carro, produce esterco, dá leite e cría xatos para a venda* (XRMF4:82). (Friei., XRMF4).

261 **rubia *gallega** *loc. s.* Ver RUBIA GALEGA /260. (Mondo1, Negral, Parga).

262 **acerada** *adx.* [Vaca] do país, clara, da color da cera. (Ctel1, Gaxate).

263 **arzuana** *adx.* [Vaca] da comarca de Arzúa. Ignoramos cales son os trazos que a definen. O noso informante en Gui. descríbea como vaca cos cornos cara arriba. (Anca, Gui.).

264 **galega** *adx.* [Vaca] do país. (Culle., PCal2, XLF).

265 **ghalega** *adx.* Ver GALEGA /264. A nosa fonte escribe *jalega*. (Razo).

266 **marelo** *adx.* [Boi ou vaca] de capa roxa, de raza autóctona galega e a máis común en Galicia. (Común).

267 **ruba** *adx.* [Vaca] marela. (Vala.).

268 **rubia 1** *adx.* [Vaca] marela. (Cal., Carño2, Ced., Gud., Mel1, Oirós, Ped1, Ram., San., Xun. ILG:47 (C:11, LU:12, OU:11, PO:12, GExt.:1)).

269 **rubia 2** *adx.* [Vaca] do país máis tinta e máis cargada de moreno cá marela. (Grixó).

270 ***gallega** *adx.* Ver GALEGA /264. (Barre., Ben., Burela1, Laxosa, Mondo2, Oirán, Rábade, Rib-S, Santi., Vi-Val., Xudán1).

271 ***ghallega** *adx.* Ver GALEGA /264. A nosa fonte escribe *jallega*. (Carr-C).

272 ***ghallegha** *adx.* Ver GALEGA /264. A nosa fonte escribe *jalleja*. (Buga-N, Caa., Casal., Cervá2, Estr3, Lestón, Lous., Negra., Tabor.).

273 **do país 1** *loc. adx.* [Vaca] autóctona galega, de capa uniforme rubia (máis lexítima) ou marela. (Común. ILG:85 (C:43, LU:9, OU:5, PO:28)).

274 ***del país** *loc. adx.* Ver DO PAÍS 1 /273. Non podemos asegurar que unha *vaca del país* en Asturias ou León sexa da mesma raza cunha *vaca do país* galega, é dicir, rubia. Tendo en conta que se trata de localidades moi próximas a Galicia é moi probable que así sexa. Con todo, xa advertimos noutro lugar que a denominación "do país" designa unha vaca da raza característica da zona do informante e, polo tanto, é unha denominación elástica, relativa e equívoca. (Ancares2, Val-LE, Vill-O).

A vaca marela non hai quen poida con ela. (Lama)
Boi marelo escuro, ara polo mol, ara polo duro. (VLLM:1,134) [140]
Boi marelo lourado, primeiro morto que ampeado. (VLLM:1,134) [141]
Boi marelo, pouco andar e moito penso. (ERG:boi)
O boi marelo, lapón ou zoupeiro. (VLLM:1,147) [142]
O boi marelo, zoupo ou larpeiro. (VLLM:1,147)
Mal lle vai á corte onde o boi teixo non tuse. (VLLM:1,143) [143]
Mariquiña do terbelledoiro, o teu pai ten un boi loiro. (ERG:loiro; XMSM:38) [144]
Miña marela gallarda, ara, carreta e non cansa. (VLLM:1,144)

[140] Llópiz: *pol-o*. Recólleo de E. Gayoso en Monterroso.

[141] Recólleo en Lama de Rei (Mosteiro, Cervantes); explica que *marelo lourado* é *color de piel melado*; e *ampeado* é *agotado, aniquilado por la fatiga*.

[142] Estes refráns aluden a dous frecuentes defectos dos bois marelos que ou comen moito ou traballan pouco e contradinse con aquel que di *O boi e a muller da terriña ten que ser*. Recólleos de López Lago (*La Soc. Gall.*).

[143] Llópiz: *vá* (sic); corriximos *va* por *vai* xa que ten tódalas trazas de non ser refrán galego. Llópiz di que o recolle do *Catálogo de prov.* de Pedro Vallés. A tose aquí aparece en sentido figurado como símbolo da autoridade: pode *tusirlle a alguén* quen ten autoridade para facelo. Lémbrese o refrán *Onde o home tose, a fame foxe* (ZM:188).

[144] ERG: *tèn*. Máis que refrán parece un fragmento dunha cantiga (ver JPBI:139.10 no apart. 2.2.4.4.). *Terbelledoiro* é palabra que só encontramos neste dístico; non aparece en ningún dicionario. Consultámo-los ficheiros do ILGA e tampouco encontramos máis datos que os que imos citar a seguir. *Terbello* é trapela para cazar raposos (en Anllo e segundo Leiras), paxaros (en Guitiriz) ou ratos (sg. Rielo), e se *terbello*/*trebello* é trampa, ¿será esta Mariquiña *do terbelledoiro* unha moza *trampona*? É tamén un pecho (en Lobios); un aparello caseiro feito de calquera maneira, uns ferraganchos vellos (na Pontenova) ou un enredo (sg. Aníbal Otero). *¡Dálle ó terbello!* equivale en Paderne a *¡móvete, traballa!*. Finalmente, *terbellar* aparece nas papeletas do P. Sobreira neste dístico recollido en Pombeiro: *Polo que lle digo que non terbelle comigo / que outro terbellou e non lle pesou.*

Non hai mal que por mal non veña, morreume a sogra e pareume a vermella. (EGE:85) [145]
O que non munxe marela, non fai queixo nin manteiga. (VLLM:1,148) [146]
Presa de palleira non lle peta á marela. (VLLM:1,151) [147]

A seguir, agrupamos unha serie de refráns nos que aparece minusvalorado o gando da raza marela.

Nin bo Pedro nin boi marelo, nin boa herba por riba do rego, nin boa mula que faga gin nin boa muller que fale latín. (DXC:45; VS) [148]
Nin bon Pedro nin bon burro negro, nin bon prado por riba do rego, nin vaca ramalleira, nin muller que sea mui amiga da feira, nin ola sin asa; todas cos demos, fóra da miña casa. (VS) [149]
Nin bo porco, nin bo marelo, nin boa herba por riba do rego, nin boa mula que faga xin *nin boa muller que fale latín.* (ZM:146; XMSM:72; XSL:24) [150]
Nin bo Xan, nin bo Pedro, nin boi marelo enriba do rego. (JASA:343; JASA2:389; JASA3:224; ERG:bo; EAG:20; UCA2:46) [151]
Nin bo Xan, nin bo Pedro, nin boi marelo por riba do rego. (VS) [152]
Nin bo Xan, nin bo Pedro, nin boi morto por riba do rego. (ZM:146; XMSH:185; VS) [153]

Estes refráns paralelos son enigmáticos na súa condena ou advertencia fronte a diferentes seres ou circunstancias calificadas todas elas como negativas. Álvarez Giménez (EAG) explica que:

> *Un prado, en pendiente y en punto superior al cauce del regato, debe ser naturalmente de secano y su tierra inferior a la de abajo, única que disfruta del agua. De aquí que, creyéndose que los animales de piel oscura son de más fuerzas que los otros, un 'boi marelo', si llegase á atascarse el carro 'encima d'o rego', le sacaría adelante con más dificultad, por falta de bríos. El burro negro es poco común, y siendo más fuerte que los de otro color, tiene peores intenciones y por consiguiente no es tan bueno como aquellos para el mejor trabajo.*

Constantino García dános outra pista na etimoloxía da trilla ou couza: *Trilla [...] non ten relación [...] co verbo trillar (descendente do latín tribulare), senón cunha palabra xa anticuada teruvela (citada por Marcial Valladares que significaba o mesmo verme e procedía do latín vulgar terebella, 'pequeno trado ou trade')* (CGG2: "A trilla e a couza", 488).

Por todo isto supoñemos que debe ser palabra única, un hápax legómenon creado por simples razóns de rima con boi loiro e que debe aludir a unha muller goberneira (que traballa, que é disposta) ou, se é caso, a unha muller amiga dos xogos eróticos.

O crego e maila criada
Andan ós terberetiños;
A criada cai de costas,
O crego cai de fuciños.

Lembremos tamén o significado erótico do verbo *trebellar* do que o P. Sarmiento conta o caso xeitoso do cura non galego que oíndo en confesión que unha muller *trebellara*, maxinou que lle dicía que *traballara*, polo que lle advertiu que en domingo non se podía *trebellar* máis dunha hora e iso en caso de necesidade.

"El verbo *trebellar* en gallego, de tripudiare, siempre significa *in malam partem* y dista *cien* leguas del honesto verbo *traballar* o *trabajar*. Confesor castellano ha habido que hasta después de muchos años estuvo en el error de que lo mismo era el verbo *trebellar* gallego que el *trabajar* castellano. Y a los *penitentes* que decían que habían trebellado tantas veces, les decía que en dias festivos solo podían *trebellar* una hora, pero que en los dias sueltos podían *trebellar 'ad laudes et per horas'*. Si el tal confesor hubiese oído la *copla gallega* común: 'O crego mais a criada/ jugaban aos *trebelliños'*, etc., entendería el significado" (FMS3:438)

Con todo iso, lembremos que esta palabra presenta variantes como *terbelladoiro, trebelladoiro, trebelledouro, toubeadoiro*, *tequelledoiro* e *fervelledoiro.*

[145] É posible que o *mal por mal* sexa unha errata do colector en vez do consabido *mal por ben.* Esta forma canónica representa unha crúa mostra de humor negro co que se pretende compensa-las perdas. O mesmo que nesta cantiga que recolle Alonso Montero na que se describe a situación inversa: *A miña sogra sanóu /i en troques morréume a vaca: /tras dun probe xempre a morte /anda ca fouce amolada* (XAM:44).

[146] Llópiz recólleo en Vilacampa, en terras do monte Buio preto do Valadouro.

[147] Llópiz: *â*; explica que *presa de palleira* é ración de herba que se tira do palleiro dunha vez para llela dar ás vacas no inverno; cita var. *Herba pallarega non a quer a marela*. Recólleo de A. Abelaira (*Folklore de La Capela*).

[148] VS: *boo Pedro...que fala latín*; recólleo de Vida Gallega.

[149] Noutros mss. *todos os demos / todos cos demos*.

[150] XMSM di *bo marelo*, mentres ZM e XSL: *bon marelo*, que entendemos referido a un bovino de capa marela e por iso o incluímos. No texto: *que faga in* (XMSM). Variante: *Da muller que sabe latín e da mula que fai 'in', arrenega hasta o fin* (XMSM:72).

[151] No texto: *encima, d'o rego* (JASA2); *encima* (JASA3); *Xoan, encima d'o rego* (EAG); *bon Xan, bon Pedro, encima* (UCA2). Na Gudiña recollemos estoutro refrán que a todas luces semella un fragmento dos paralelos que incluímos: *Nin bo Pedro nin bo burro negro* (Gud5:95).

[152] Engade as seguintes equivalencias: P.: *Nem bom Pedro, nem bom burro negro* (Chaves), *Pedros, burros velhos, terras por cima dos regos* (Chaves); E.: *Ni mozo Pedro, ni burro negro* (R. Marín), *Ni moza adivina, ni mujer latina, ni mozo Pedro en casa* (R. Marín).

[153] ZM: *bon*. VS: *Nin bon Xan, nin bon Pedro*; e comenta: *Los prados son las tierras más estimadas por los campesinos, sobre todo los que tienen riego.*

Que a herba por riba dos regos é de peor calidade e cría peor gando, é verosímil e pode ser metáfora da muller estudada ou lista que se pon por riba do home (*que fale latín*), feito que a mentalidade machista do refraneiro considera un defecto [154]; como defecto pode se-lo espirro ou rincho da mula. Pero non atinamos a ver qué ten que ver isto coa imposibilidade de que exista en idéntica circunstancia un bo porco e moito menos un bo Pedro e un bo Xan [155].

Esta serie ten continuidade noutros refráns nos que no lugar de *boi marelo* encontramos *bo lameiro*:

Nin bo Pedro, nin bo burro negro, nin bo lameiro por riba do rego. (XTC4; EAG:20; ZM:154; JASA2:389; XLF2:44; XMSH:185) [156]

Nin bo Pedro, nin bo burro negro, nin bo lameiro por riba do rego, nin de sabugueiro un bo vencello, nin de cuñado un bo consello. (Sandiás111)

Nin bo Xan, nin bo burro negro, nin bo lameiro por riba do rego. (UCA2:46) [157]

Nin bo Xan, nin bo Pedro, nin bo lameiro enriba do rego. (XMSH:98)

Nin bo Xoán, nin bo Pedro, nin bo burro negro, nin bo lameiro encima do rego. (XTC4) [158]

Non hai bo Pedro, nin bo burro negro, nin bo lameiro por riba do rego. (XTC4) [159]

Non hai Pedro bo, nin burro negro nin lameiro por riba do rego. (ERQ2:87) [160]

Dado que o sintagma *bo lameiro* contén as mesmas letras de *boi marelo* é posible que dun sintagma se pasase a outro. ¿De cal a cal? Parece máis verosímil que de *bo lameiro* se pasase a *boi marelo,* xa que é máis razoable dicir que non hai un prado bo que estea máis alto do que está o rego de auga. Se a nosa hipótese dunha confusión é certa, dá lugar, como acontece en tantos outros casos na fraseoloxía, a unha nova mensaxe tamén válida: non é ben que o boi paza por riba do rego, onde loxicamente haberá menos e peor herba. Na paremioloxía as erratas que dan lugar a unha nova mensaxe con frecuencia resultan aceptadas pola xente, que as lembra e transmite como tamén canónicas e, por veces, chegan a escurecer e mesmo suplanta-la forma canónica inicial.

Polo tanto este segundo bloque de refráns (os do *bo lameiro*), que nada teñen que ver en principio co noso asunto, poden se-la orixe ou o resultado dos outros (os do *boi marelo*) que si teñen que ver.

A miña vaca marela
vai na eira do Cotónhe
se ma vedes por aló
carghareisma sablón. [161]

A novia ten bo mantelo
que llo fixo o señor novio
cos collóns dun boi vermello. [162]

---

[154] *Gárdeme Dios de can lebrel, de casa de torre e de muller sabidora* (XLF:36).

[155] Isto tráenos á memoria a crítica do P. Feixoo a aquel refrán castelán *Dos Juanes y un Pedro hacen un asno entero;* di o frade de Casdemiro: *Otro que bien baila! harian muy mal los párrocos en poner el nombre de Juan o Pedro a alguno, porque sería condenarle a hacer una tercera parte de asno*. En calquera caso é posible que aquí o nome de Xan e de Pedro estean simplemente por pura eufonía para conseguir certa rima e que sexan iso que Leite de Vasconcelos (*Antroponimia Portuguesa* 337 ss.) chama nomes vagos con función de pronome, como *Fulano*, *Mengano* ou coma no latín *ille, quidam*, *Titius*. Leite comenta *Moito vai de Pedro a Pedro* dicindo que significa que hai moita diferenza *'de um indivíduo a outro'*. Curiosamente Rosalía de Castro di que cando un busca un Xan casi sempre atopa un Pedro. Tamén temos: *Dous Pedros e un Xan fan un home cabal* (XMSH:98), *Dous Xans e un Pedro fan estar ó burro quedo* (XMSH:98).

Outra posible explicación é o uso do nome de *Xan* (e *Pedro*) para designa-lo lobo e o de *Pedro* para designa-lo raposo (ou o demo), feito que se observa con frecuencia nos contos e outras narracións orais. Xaquín Lorenzo aínda dá outra explicación que nos parece menos convincente dicindo que *o 'pedro' é o chourizo que se fai co intestino groso do porco e que pola súa pouca dura consómese aixiña*. Ver LimiaB:246 onde explica a cantiga 1.463, e que ERG dá tamén como refrán (ERG:bo):

Nin bo pedro
nin bo burro negro
nin bo lameiro
por riba do rego.

Vázquez Saco comenta que *La antipatía al nombre de Pedro es común a la paremiología peninsular, y la estudia Rodríguez Marín en '6.100 refranes más...', donde puede leerla el curioso*.

Curiosamente san Pedro é o santo que ten máis parroquias en Galicia (304), só superado por santa María (775).

[156] No texto: *bó* (XTC4); *bon Pedro, bon burro, bon lameiro, d'o rego* (EAG); *bon Pedro, bon burro* (pero, *bo lameiro*), *d'o rego* (JASA2); *pedro* (XLF2).

[157] UCA2: *bon.*

[158] XTC4: *bó*.

[159] XTC4: *bó*.

[160] No texto: *nejro, rejo*.

[161] SCHU6/2/1978; *sablón* por xabrón. No texto: *se m'a vedes*.

[162] SCHU6/2/1667. No texto: *tén.*

Agora que estou baleira
queres vir á miña herba;
vai busca-la comedeira,
ponte ó lado da Marela. [163]

De Pesadoira a Cornado,
rapazas de Pesadoira,
ponte marela ó carro. [164]

Dios che mande o sol
que che hei dar o boi millor
e a vaca marela
e a filla con ela
e o porco ruzo
que anda no puzo
e o porco blanco
que anda no campo
e a galiña curupeluda
que pon os ovos prá seitura. [165]

Fun alá enriba
onda o boi vermello,
o demo da cabra
fuxeu do cortello. [166]

Heiche de da-lo boi blanco
e maila vaca marela
e maila filla máis nova
se te non quer a máis vella. [167]

Heiche de da-lo boi louro
e maila vaca marela
a maila filla máis nova
se non quére-la máis vella. [168]

Heiche de da-lo boi pardo
e maila vaca marela
a maila filla máis nova
si non quére-la máis vella. [169]

Heiche de dar o boi blanco
a mais a vaca marela,
dareiche a filla máis nova
si non queres a máis vella. [170]

Heiche de dar o boi blanco
e mais a vaca marela,
e mais a filla máis nova
si queres casar con ela. [171]

Heiche de dar o boi blanco,
fillo da vaca marela,
e maila filla máis nova
se non queres a máis vella. [172]

Heiche de dar o boi branco
e mais a vaca marela
e mais a filla máis nova
pra que te cases con ela. [173]

Heiche de dar un boi branco
fillo da vaca marela;
heiche de da-la máis nova
pra que te cases con ela. [174]

Heiche de dar un boi roxo,
e mais a vaca marela,
e mais a nena máis nova,
si non quére-la máis vella. [175]

Ia pigureira
do Val de Piñeira
tu vaite tu vente tu díllelo así
que siete ladrones me tienen aquí
con siete cadenas al rodor de mi
i a vaca marela
tache na tixela
i a vaca bragada
tache na salgada

---

[163] MRV:49.

[164] SCHU4/2/517a. Pesadoira e Cornado son dous lugares da parroquia de Albite, concello de Negreira.

[165] Carb-L:133.11. VS dá unha versión algo máis ampla e igualmente enigmática: O mal tempo logo cansa: "*Dios te mande o sol, que che hei de dar o boi millor, i-a vaca marela, i-a filla como ela, i-o porco ruzo que anda no puzo, i o porco branco que anda no campo, i a galiña curupeluda que pon os ovos prá seitura*".

[166] Lama2:210.

[167] LimiaB:87. No texto: *mailla filla* (sic). Véxase o que dicimos máis en diante, cando falamos da color dos bovinos.

[168] SCHU6/2/1671d.

[169] SCHU6/2/1671a.

[170] SCHU6/2/1671b. No texto: *dareich'a.*

[171] Coto2:60.

[172] Lama2:136; Sob3. No texto: *e máis a filla / senon* (Sob3).

[173] JPBI:107.1. No texto: *bói*.

[174] MRV:74.

[175] Corme1:490. No texto: *mais nova, quérela mais vella*.

i a vaca piñeira
tache na toucieira
tu vaite tu vente tu díllelo así
que siete ladrones me tienen aquí. [176]

Iheiche de da-lo boi blanco
a maila vaca marela
a maila filla máis nova
si non quére-la máis vella. [177]

Miña mai e maila túa
van na feira en Lousadela,
vende-lo becerro pardo,
fillo da vaca marela. [178]

Miña nai e maila túa
ámbalas dúas van na feira,
levan un cuxiño roxo
fillo da vaca marela. [179]

Miña nai e maila túa
ambas van en Paradela
vende-la becerra pinta,
filla da vaca marela. [180]

Miña nai e maila túa
as dúas van á taberna;
levan a cuxiña branca
e mais tamén a marela. [181]

Miña nai e maila túa
van á feira a Paradela
vende-lo becerro branco
fillo da vaca marela. [182]

Miña nai e maila túa
van na feira da Portela
vende-lo becerro teixo
ai, fillo da vaca marela. [183]

Miña nai e maila túa
van na feira en Paradela,
van vender a xata roxa,
filla da vaca marela. [184]

Miña nai e maila túa
van xuntas a Paradela
vende-lo becerro blanco
fillo da vaca marela. [185]

Miña nai e mais a túa
ambas iban á taberna,
levan a xatiña branca
e mais tamén a marela. [186]

Miña soghra e maila túa
van na feira da Bandeira
vende-lo becerro blanco
fillo da vaca marela. [187]

Miña soghra e maila túa
van na feira da Portela
vende-lo becerro neghro
fillo da vaca marela. [188]

Nena que léva-lo gando,
lévame a miña marela;
queda na corte berrando
por unha pouquiña de herba. [189]

---

[176] SCHU1/2/306bisA. Os colectores dannos en nota a rodapé a seguinte explicación: *Esta cántiga insértase nun conto no que se relata a historia duns ladróns que rouban e raptan a unha pastora; ela ten unha corna ou caramela que "fala" e que non poden entender senón algúns. A mensaxe do instrumento percíbese desde fóra da cova en que está encerrada. 'Bragada', de pelaxe branca entre as patas de atrás (cando a pelaxe do resto do corpo é máis escura); 'Salgada', salga; 'piñeira', adxectivo que, aplicado ós galos, se refire ós que tardan en bota-la pluma e cando a botan lles sae recachada; tamén se refire ós galos sen crista; aplicado a vacas ignoramos qué é; 'toucieira', toucieira, despensa onde se garda a carne.* Con todo iso, pódese ver neste mesmo capítulo que *piñeira* se usa en diferentes lugares de Galicia como "vaca cos cornos cara atrás, ou cara arriba ou grandes e abertos".

[177] SCHU6/2/1671c.

[178] Zolle:224. No texto: *mai-la, ban, bende-lo, baca.*

[179] TCha:51.

[180] Sarria3. No texto: *ban, bende-la, baca*.

[181] VIÑO2:36. No texto: *e máis tamén*.

[182] RC:110, GEG:2035. No texto: *máil-a, vender o, amarela* (RC); *máila, vendé-lo, amarela* (GEG).

[183] SCHU1/2/326b.

[184] TCha:51.

[185] SCHU4/2/606a.

[186] JPBI:6.3. No texto: *e mais a tua, â taberna*.

[187] SCHU4/2/606b.

[188] SCHU1/2/326a, SCHU4/2/606b.

[189] DBP:3603. No texto: *lévam'e, d'herba*.

Nenas que ides co ganado
levai a miña marela
queda na corte berrando
por unha gavela de herba. [190]

Nenas que ides co ganado
levaime a miña marela
queda na corte berrando
por unha gavela de herba. [191]

Neniña que vas co gando,
lévame a miña marela,
que está berrando na corte,
por unha gavela de herba. [192]

O Campo de Badernado.
Unha fala, duas falas:
-"¡Ponte, Marela, no carro!". [193]

Para a sumana que vén
hei de ara-la miña roza
regho abaixo, regho arriba
ca miña vaquiña roxa. [194]

Pariu a rubia, pariu a rubia,
pariu a rubia, ¡vaia por Dios!
Pariu a rubia, pariu a rubia,
pariu a rubia, ¡cagou pra vós. [195]

Rapaza que estás na horta,
collendo un manto de verzas;
bótallas ó boi marelo
e olvida cousas que pensas. [196]

Rapaza que vas coas vacas
lévame a miña marela
que ta berrando na corte
por unha gavela de herba. [197]

San Antonio garde o gando
e mais a vaca marela,
e mais a filla máis nova
se non quer gardar a vella. [198]

Se tes unha cagadela
chama a túa nai
que muxa o leite
da vaca marela. [199]

Tarabela, tarabela,
dálle pouco
á vaca marela. [200]

Tira ben polo arado,
miña vaquiña marela,
que imos ver ó Neno Dios
que está cerquiña da veiga. [201]

Un veciño do lugar
ten unha vaca marela
que mercou na Feira Nova
por seis pesetas e media. [202]

Xa me daban o boi pinto
fillo da vaca marela,
se me caso cunha filla
nacida na nosa terra. [203]

Altos castelos,
bois amarelos,
auga formosa,
e cadela rabiosa. [204]

Bátete, leite
de vaca marela;
pace no monte
e bebe na serra. [205]

---

[190] SCHU1/2/294a. No texto: *qu'ides, d'herba.*
[191] SCHU1/2/294b. No texto: *qu'ides, levaim'a, d'herba*.
[192] MRV:49. No texto: *gabela*.
[193] Muros.
[194] SCHU1/2/232. No texto: *par'a, d'ara, regh'abaixo, regh'arriba*.
[195] VD:117. No texto: *Diós, pariu* (en tres ocasións) */ paríu* (noutras tres).
[196] MRV:50.
[197] SCHU1/2/295. No texto: *d'herba.*
[198] Rois:77. Recollida en Pumar (Urdilde, Rois, A Coruña). No texto: *e máis*.
[199] RCI:177 (*cagadela*), RCI:130 (*cagalera*).
[200] RCI:177. No texto: *dalle.*
[201] Lama2:60.
[202] LimiaB:160.
[203] Rois:95. Barreiro (Hermedelo, Rois, A Coruña).
[204] Castiñeiro, ourizos e castaña. PM:55.
[205] TCha:84. Estes versos marcan o ritmo da parafusa ó maza-lo leite.

Dous xatos marelos
nunha corte de ferro. [206]

Entre cancela e cancela
becerriña amarela. [207]

Entre cancela e cancela
becerriña marela. [208]

Entre cancela e cancela
hai unha becerriña amarela. [209]

Entre cancela e cancela
hai unha xata marela. [210]

Entre cancela e cancela
unha becerra amarela. [211]

Entre cancela e cancela
unha xatiña amarela. [212]

Están dous becerriños amarelos
pastando nun campo de ferro,
corren que os torce o demo. [213]

Nunha corte de ferro
hai dous xatos marelos. [214]

Nunha corte de vacas rubias
entra unha moura e bótaas fóra. [215]

Nunha corte de vacas rubias
entra unha moura e botounas todas fóra. [216]

Nunha cortiña de ferro
hai dous bois marelos. [217]

¿Que serán vacas vermellas
xuntiñas en certa chousa;
entrou unha negra dentro
botounas a todas fóra? [218]

Sete bois brancos
e sete marelos,
todos pacendo
nun prado de ferro. [219]

Teño un prado cheo de vacas rubias
e vén unha moura e mátamas todas. [220]

Unha corte chea de vacas rubias,
vai unha negra e tórnaas todas. [221]

Unha corte de vacas marelas,
cando mexa unha, mexan todas elas. [222]

Unha corte de vacas vermellas,
entra un boi mouro e corre a todas elas. [223]

Unha grea de vacas roxas,
mexa unha e mexan todas. [224]

---

[206] Os ovos na tixola. PM:355, APG:120.

[207] A vaca (preñada), ou tamén a manteiga na cazola, o sol (propostas ámbalas dúas por Leiras), a xema do ovo ou o millo no cabozo. PM:397.211, APG:173, AGA:101.

[208] A manteiga no pote. AGA:101.

[209] A manteiga na cazola. Gud5:44.

[210] A vaca (preñada), ou tamén a manteiga na cazola, o sol (propostas ámbalas dúas por Leiras), a xema do ovo ou o millo no cabozo. PM:397, APG:128.

[211] A xema do ovo. ANV1:87.

[212] A vaca (preñada), ou tamén a manteiga na cazola, o sol (propostas ámbalas dúas por Leiras), a xema do ovo ou o millo no cabozo. PM:397, APG:128. Para ANV2: 17 a solución é a xema do ovo.

[213] Os ovos na tixela. APG:166, Gud9:38. No texto: *n-un* (Gud9).

[214] Os ovos na tixola. PM:355.190.

[215] O varredoiro do forno e mailas brasas. APG:122.

[216] O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.140.

[217] Os ovos na tixola. PM:681.

[218] As muxicas e o varredoiro do forno. PM:1027. APG:123: no texto: *bermellas, juntiñas, botoun-as á todas fora*.

[219] Os ovos na tixola. PM:919.

[220] O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.140. No texto: *ven*.

[221] O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.140.

[222] As tellas. PM:263.

[223] O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.

[224] As tellas. PM:263.141.

2.2.1.2. Raza cachena



Vaca cachena do Centro de Fontefiz (Coles, Ourense).

Raza vacúa propia das zonas montañosas da serra do Xurés, serra do Leboreiro e montes de Quinxo, estendéndose tamén por terras portuguesas de Peneda-Gerês, zona na que a raza recibe o nome de *pisca* [225]. Como as outras razas morenas galegas sufriu unha importante recesión ó perder interese a súa aptitude para o traballo (xunto a outras causas de tipo agrícola, forestal e ecolóxico) ata reducirse a un cento escaso de exemplares acantonados no concello de Entrimo, concretamente na localidade de Olelas.

Os exemplares de raza cachena son especialmente rústicos e adaptados a terreos pobres e de escasas posibilidades forraxeiras, condicións que dificilmente soportarían outras razas bovinas. Todo isto permite a súa cría en réxime semiextensivo, mantendo as vacas en pastoreo case todo o ano e reducindo a estabulación ó momento do parto. Presentan moi boas cualidades maternais, gran facilidade de parto (os becerros pesan ó nacer só 17-18 kg) e unha aceptable produción leiteira. O primeiro celo non se produce ata os catro anos. Explótase fundamentalmente para producir carne (en ocasións, *carne ecolóxica*), alcanzando os 80-100 kg en canal ó cabo de 9 meses, ou maiores pesos se se suplementa a dieta con cereais. O peso medio é de 550 kg nos machos e de 350 kg nas femias. Considérase a raza vacúa máis pequena do mundo, cunha altura media á cruz de 100-130 cm nos machos e 90-120 cm nas femias.

Prado Lameiro describíaa, alá polos anos 20, con estas palabras:

> *La otra raza portuguesa es la llamada 'soaxa', vaquita liliputiense, rústica, que vive en libertad, en pastoreo constante en las montañas del ayuntamiento de Entrimo fronterizas a Portugal, y que aparte su diminuta talla, ofrece como signo característico una franja a lo largo de la cara de coloración más baja que el resto de su capa castaño-obscura y unas líneas negras alrededor de los ojos como si la res llevase gafas de gruesa montura* [226].

[225] Esta raza era tan característica da *Raia Seca* coma o contrabando, ata o punto que Eliseo Alonso afirma que en Goián a esta actividade a denominaban co nome de *pisco* ("O contrabando na raia do Miño" en *La Voz de Galicia* 24.07.1990). Non obstante, no *Glosario de voces galegas de hoxe*, a voz *pisco* aparece recollida nesa localidade cos significados de *paporroibo* ou de *vesgo*, e só en Ramirás denomina esta raza de vacas; non recolle por ningures a súa relación co contrabando. Franco Grande (*DdD*) tamén o traduce como "contrabando", con marca de *argot*, pero non o localiza.

[226] VR9:10,160. Nunha nota na p. 157 deste tomo 10 Vicente Risco recoñece o seguinte: *Los datos acerca de las razas animales nos han sido suministrados por el cultísimo inspector de higiene pecuaria de la provincia y popularísimo poeta y autor dramático don Javier Prado (Lameiro)*. Iso significa que o sonado parágrafo da vaquiña liliputiense que reproduciron Vicente Risco e Eladio Rodríguez é da autoría de Xavier Prado *Lameiro*.

Méndez Ferrín tamén dixo isto:

> *Existen outras razas galegas, aínda que minoritarias. Eu, que non son experto, quérolle ben á pisca da Raia Seca, que agora chaman moito "cachena". É a vaquiña de pelaxe idéntica á rubia galega, moi pequena e áxil. Chaman a atención os enormes cornos da pisca e os seus lindos ollos, coma pintados ao estilo Nefertiti* (XLMF4:151).

Presenta capa de cor castaña clara, máis escura na rexión do pescozo, co fociño e mucosas negras, así como os cascos e puntas da encornadura. Presentan un floco de pelos na testa, e orellas e rabo con pelo abondoso. A cornamenta é desproporcionadamente grande, con cornos en lira alta e aberta, brancos ou de cor ámbar e coa punta negra.

Os primeiros censos achegaban cifras de 6.000 cabezas, pero incluían exemplares doutras razas (pisca e cartellá). En 1984, Sánchez Belda calculaba entre 200 e 1.000 cabezas, pero en 1991 o censo da raza cachena estaba representado só por 136 vacas nun certo grao de pureza. No ano 2000, o número de exemplares desta raza controladas no Programa de Conservación era xa de 715 cabezas, con rabaños distribuídos polas catro provincias galegas; no 2005 alcanzáronse as 1.808 cabezas, 3.034 no 2007 e 4.151 en 2009 (das que 2.201 eran vacas de máis de 24 meses), distribuídas en 159 explotacións [227]. O Libro Xenealóxico da Raza Bovina Cachena foi aprobado por orde da Consellería de Agricultura de 27.09.2000 (DOG nº 207, de 25.10.2000).

275 **gado de Soaxo** *s.comp.m.* Ver FUSCO 1 /279. Chámanlle así por habelo nesa localidade portuguesa. (LimiaB, XLF4).

276 **raza de Cartelle** *s.comp.f.* Raza orixinaria dese concello ourensán. *Fai poucos anos había moitos e bós exemprares da raza de Cartelle*. (ROP1:53).

277 **vaca do Suído** *s.comp.f.* Vaca cos cornos cara arriba frecuente entre o gando ceibo que vive no Serra do Suído. (Caban.).

278 **cachena 1** *adx.* [Vaca] de pequena talla e enorme cornamenta en forma de lira que vive en Entrimo e monte Soaxo e dá nome a unha raza específica: a raza cachena. "De las sierras de Santa Eufemia y O Quinxo, Entrimo (Raia Seca)" (PIH). (CP, ERQ2, Fontefiz, PIH).

279 **fusco 1** *adx.* [Gando vacún] de pequena talla e cor parda escura que vive ceibo na serra de Quinxo, pola parte de Entrimo. (ERQ2, LimiaB, XLF4).

280 **miñota** *adx.* Ver PISCA 1 /281. (Velle1).

281 **pisca 1** *adx.* [Vaca] de pequena talla e enorme cornamenta, capa castaña e fociño negro. Propia de Entrimo e Lobios. En Portugal é o nome que lle dan á vaca que en Galicia se denomina *cachena*. Ctel1 descríbea como "vaca rubia con fusco polo fuciño". Ver tamén o comentario de Velle1 que reproduciremos na entrada BARROSA 1 /308. (Ctel1, Fontefiz, Peno., PIH, Piñei2, Ram., Ribó, Sabu2, Velle1).

282 **soaxa** *adx.* Ver FUSCO 1 /279. Eladio Rodríguez describe esta raza coas mesmas palabras que utilizara Prado Lameiro: "Las vacas de esta raza son pequeñas, casi liliputienses y rústicas; viven en libertad dedicadas al pastoreo constante, y alrededor de sus ojos llevan unas líneas negras que parecen gafas de gruesa montura" (ERG). "Exemplar montaraz e de pequena alzada, que semella levar *gafas* ó ter as olleiras mouras, sendo propia da raia seca" (LG:10.05.1998). (ERG, LG).

2.2.1.3. Raza vianesa

Raza propia das terras de Viana do Bolo, de onde toma o seu nome, presente tamén nas serras do Invernadoiro e de Queixa (concellos de Chandrexa de Queixa, Manzaneda, Pobra de Trives e chegando ós de Vilar de Barrio, Montederramo e Maceda). Á zona de Verín corresponde unha variedade denominada *verinesa* que ata hai pouco se consideraba raza propia pero que realmente non é máis que unha variedade nacida de características ecolóxicas locais.

Sánchez Belda sostén que esta raza procede do tronco cántabro, dunha forma paralela á alistano-sanabresa, propia da comarca zamorana do mesmo nome. Precisamente, unha das denominacións da vianesa é *portexa* que realmente corresponde a exemplares desta segunda raza procedentes de Porto (ZA).

A capa é de cor castaña, máis clara na vianesa que na verinesa. Os bois son sempre máis escuros cás vacas e becerros, estes máis claros ou louros. A tonalidade é máis intensa nas rexións corporais periféricas, que dan lugar a numerosas particularidades (caras afumadas, ollais, listón dorsolumbar vermello etc.). Ubres rosados

[227] http://mediorural.xunta.es/areas/gandaria/razas_autoctonas/bovina/cachena/ [15.06.2009] e comunicación persoal da Federación de Razas Bovinas Autóctonas de Galicia (BOAGA) (9.03.2010).

e topete abundante, característico, máis claro có resto do pelo e caído sobre a testa, dando lugar a un floco, ou *guedella*, ben chamativo; nos machos, ese topete rubio chega case ata o fociño. Tamén son características da raza as orellas grandes e peludas, das que sae un *pendente* de pelo ben chamativo. É típico dos animais da raza verinesa o fociño negro ou escuro, cunha orla clara ó redor, e a borla do rabo negra. A corna é en gancho curto nos machos, en media lúa, e separados nas femias, de cor brancuxa na cepa e pa e puntas escuras.

A talla media á cruz é de 138 cm para os machos e 132 para as femias, cuns 850 e 560 kg de peso medio, respectivamente.

Aprovéitase case exclusivamente para a produción de carne e, antes, para o traballo. Destaca nesta raza a súa rusticidade e capacidade de adaptación ó medio montañoso no que vive. A produción de leite permite un notable ritmo de crecemento dos becerros.

Carballal estimaba que o censo desta raza en 1947 andaba polas 6.500 cabezas (JCaP). Sánchez Belda daba cifras de 15.000-20.000 en 1984 (pero incluía numerosos cruces). Cando se instaurou o Programa de Conservación da raza, en 1991, só se contabilizaron 194 vacas. En 2005 o censo estaba nas 660 cabezas, que aumentaron ata 1.362 en 2007 e 1.736 en 2009 (das que 962 eran vacas de máis de 24 meses), distribuídas en 75 explotacións [228]. O Libro Xenealóxico da Raza Bovina Vianesa foi aprobado por orde da Consellería de Agricultura de 27.09.2000 (DOG nº 205, de 23.10.2000).

Das excelencias da raza vianesa falaba deste xeito Farruco Lamas a primeiros de 1918 [229]:

> *Empuxado pol-a miña adicaceón ás cousas d'o agro, veño ollando todol-os anos istas esposiceós, y-enfrente de tan loubados animás teño por forza de lembrarme sempre d'a varuda casta qu'aló n-un recanto d'a nosa porvincea d'Ourense, fica esquecida e sen a gabanza que de certo merece.*
>
> *Ista casta á qu'eu me refiro ê a Vianesa, de manta negra [230]; s'ela estivera seleuceonada y-atendida, tería de ser unha ledicia. S'a xente de cartos escollera os bos exemprares y-os tratara con agarimo e coidado, facendo a cotío unha escolla entendida, moi logo chamarían a atenceón d'os intelixentes pol-a sua fachenda y-o seu porveito.*
>
> *E isa unha casta que soilo precisa, pra bater fortes rendementos, ter tino c'os castizos e dispor de viandas á fartura.*
>
> *... ... ...*
>
> *Eu non sei s'en Galicia hai outra casta de parezenza â Vianesa, pro d'ista podo decer que si fora ben tratada, non ficaría por baixo d'as que tan loubadas e con xusta razón, teñen por acá.*
>
> *No estado autual de Galicia, ningunha casta tería d'encher as arelas d'a rexeneraceón facendeira com'a Vianesa. Se tivéramos endustrias leiteiras com'Holanda ou a Suíza, enton cicáis nos convise millor unha casta leiteira com'a a Friburguesa y-outras qu'eu coñezo, pro non eisistindo as ditas endustrias o máis convenente [231] son castas criadoras de carne.*
>
> *De sorte que teremos qu'ir de présa á salvaceón d'a facenda galega chamada a morrer en prazo curto por nosa culpa; non fai falla votar o pê fora d'o noso chau pra conquerir axuda; abonda soilo querer ollar c'os ôllos, e deitar mau do ben qu'a natureza puxo perto de nôs c'o isa casta talluda e fermosa qu'ha de bater moitos cartos en ll'adicando os agarimos de qu'ela é merecente.*
>
> *Us anos d'atenceón erguerían ô cume; e téñase por certo que á volta de poucos anos, os touros d'a casta Vianesa chegarían a sere universalmente loubados.*

283 **boi de Viana** *s.comp.m.* Ver VIANA /286. A nosa fonte defíneo como "Boi de cor que ten a cara branca". (Consta.).

284 **portexa** *adx.* [Vaca] de raza vianesa. Advertimos que con este mesmo nome se denominan vacas orixinarias de Porto (Zamora) da raza alistano-sanabresa. (Fontefiz).

285 **verinesa** *adx.* [Vaca] dunha raza de capa castaña escura, fociño negro e orla máis clara. (PIH).

286 **viana** *adx.* [Vaca] de cornos anchos e abertos e cor castaña. (Baltar, Cal., Lamas, Ped1, Piñei2, Ram.).

287 **vianesa** *adx.* [Vaca] de gran talla, moita forza, corno pequeno, patas fortes e longas e cor escura (sueste de Galicia). Sánchez García,

---

[228] http://mediorural.xunta.es/areas/gandaria/razas_autoctonas/bovina/vianesa/ [15.06.2009] e comunicación persoal da Federación de Razas Bovinas Autóctonas de Galicia (BOAGA) (9.03.2010).

[229] FL: 5-6. Este pintor galeguista ourensán residente en Bos Aires fala das exposicións de gando vacún que tódolas primaveras se celebraban en Arxentina e nas que os exemplares das razas Durham, inglesa de aptitude cárnica, e Shorthon, subraza da anterior, alcanzaban prezos moi elevados.

[230] Este dato fainos sospeitar un erro na identificación da raza (a Vianesa é de cor castaña, máis escura nos machos, mentres que é a Caldelá a que ten unha capa negra característica, machos e femias) pero, máis probablemente, reflicte a impureza das razas autóctonas galegas nas datas nas que escribe Farruco Lamas.

[231] No texto: *maisconvenente* (sic).

que a considera unha variante da Verinesa, circunscribe a súa área de expansión a Viana do Bolo. Cuevillas, na *Monografía de Velle*, faina equivalente á raza limiá e dálle tamén a denominación de *ibérica*, pola súa orixe castelá. Cando fala dos cruces ós que se someteu a raza *barrosa*, propia de Velle, di o seguinte: [...] *mais que hoxe alcóntrase desnaturalizada por unha serie de cruzamentos con outras razas como son [...] a ibérica, negra e de cornos recollidos, que se denomiña 'limiá' ou 'vianesa', por ter penetrado dende Castela por Viana do Bolo e a Limia* (Velle1:134-135). Na actualidade as razas *limiá* e a *verinesa* ou *vianesa* constitúen dous prototipos raciais diferenciados. (Fontefiz, PIH, Velle1, Vixoán., XLF).

2.2.1.4. Raza caldelá



Boi caldelao do Centro de Fontefiz (Coles, Ourense).

Raza vacúa autóctona propia da zona de Castro Caldelas, distribuída tamén por Pobra de Trives, Maceda e a zona limítrofe do sur de Lugo. Ben dotada para o traballo e hoxe dedicada á produción de carne, caracterízase por ter, no caso dos bois, unha capa escura, case negra, cunha liña dorso-lumbar (chamada *listón*) máis clara e tirando a vermello. Nas femias hai degradación da cor con tonos claros nas axilas e na base do ubre. As mucosas e os pezuños son negros; o fociño rodeado por unha orla clara. Os becerros son dunha cor típica dourada, coa borla do rabo negra. Propio da rusticidade da raza son os cornos abertos, en gancho alto, de cor clara e coas puntas negras; a cruz destacada, o dorso afundido e o nacemento do rabo en caxato. A alzada á cruz oscila ó redor dos 140 cm nos machos e 132 nas femias, cuns pesos medios de 700 e 500 kg respectivamente.

En tempos cruzouse repetidamente coa raza pardo alpina e isto comprometeu de forma clara a supervivencia e pureza da raza. En 1991, o censo da raza era de 30 vacas en grao de pureza, cunha recuperación grazas ó Programa de Conservación da raza ata 648 cabezas no 2005, 1.039 en 2007 e 1.414 en 2009 (das que 745 eran vacas de máis de 24 meses de idade), distribuídas en 59 explotacións [232]. O Libro Xenealóxico da Raza Bovina Caldelá foi aprobado por orde da Consellería de Agricultura de 27.09.2000 (DOG nº 206, de 24.10.2000).

A orixe da raza hai que buscala, como nas outras morenas galegas, no tronco cántabro. Aínda así, expertos como Rof Codina din que a raza Caldelá non ten etnicamente nada en común coa raza marela e si coa raza avileña. Para algúns a súa orixe está nun cruce de exemplares dunha raza autóctona orixinaria con exemplares da raza avileña traídos á comarca de Castro Caldelas en tempos de José Bonaparte. Para outros foi ó contrario: a raza avileña deriva da caldelá, a partir de exemplares galegos que levaron a Castela en tempos da Reconquista.

[232] http://mediorural.xunta.es/areas/gandaria/razas_autoctonas/bovina/caldela/ [15.06.2009] e comunicación persoal da Federación de Razas Bovinas Autóctonas de Galicia (BOAGA) (9.03.2010).

Araúxo Iglesias escribe este encendido eloxio da resistencia da vaca caldelá [233]:

Estas vacas para o carro
son as propias,
para o traballo eran boas,
facíanse moitos carretos,
moi duras,
comer comería pouco,
mais para forza non había coma ela,
podía xunguirse hoxe e mañá,
e durmir ata coa mulida posta.

288 **caldelá** *adx.* [Vaca] propia das terras de Castro Caldelas. (Fontefiz, Melias, Mira., Ped1, PIH).

289 **caldelo** *adx.* [Boi] de raza caldelá. *Caldelos son os bois de Caldelas, chamando-se 'caldelo' ao gado desta procedencia*. (Parade.).

290 **negra 3** *adx.* [Vaca] caldelá. (Fontefiz).

291 ***caldelana** *adx.* Ver CALDELÁ /288. Facemos notar que Ribó dá esta voz dentro das denominacións dunha vaca segundo a cor, especificando que é "castaña oscura". (Barre., Ribó).

2.2.1.5. Raza frieiresa



Boi frieirés do Centro de Fontefiz (Coles, Ourense).

Raza propia do concello ourensán da Mezquita (concretamente das aldeas de Pereiro, A Vilavella, A Canda, Santiagoso, Castromil, Cádavos, Manzalvos, A Esculqueira e Chaguazoso), estendéndose tamén polos concellos da Gudiña, Riós e Vilardevós, así como Hermisende e A Teixeira en Zamora.

Toma o nome de *frieiresa* da súa presenza na Terra das Frieiras, ó sudoeste de Ourense, que aínda que non se constituíu en comarca oficial, está formada polo concello da Gudiña e o da Mezquita. Rof Codina explica que a frieiresa se denomina tamén *mirandesa* (en alusión á continuidade desta raza na zona limítrofe de Portugal [234]) ou, globalmente, *gado da Mezquita*, por ser este o concello ourensán onde máis abonda.

É animal de gran volume, capa castaña ou vermella, que vai do leonado ó rubio; máis escura nos machos que nas femias, e nas crías aínda máis clara. Mucosas, rabo e pezuños negros; ubres sempre rosados. Perfil marcadamente cóncavo, cunha orla negra ó redor dos ollos da que baixan dúas franxas acastañadas a ámbolos dous lados da cara ata o fociño. Orla negra moi marcada tamén no bordo das orellas, das que sae un floco ou guedella de pelo longo e loiro, característico desta raza. Na rexión frontal posúen un floco

[233] EAI:112. Pódese le-la poesía completa no capítulo 16. *A vaca na literatura*.

[234] Aínda que hoxe se considera que a *mirandesa* portuguesa é unha agrupación racial diferente da frieiresa. Tamén recibiu, por esta mesma infundada razón da súa orixe, o nome de *portuguesa*.

rubio dourado, sobre todo nos machos, carácter dominante que se presenta en tódolos seus cruces. Tamén é característico o gran desenvolvemento da cornamenta, dirixida cara adiante e cara abaixo, coas puntas cara fóra, en disharmonía coas dimensións da cabeza.

A raza frieiresa destaca pola súa rusticidade, facilidade de manexo e mansedume. Actualmente dedícase á produción de carne de calidade.

A alzada media á cruz é de 141 cm nos machos e de 131 cm nas femias, cuns pesos medios de 860 e 600 kg respectivamente.

Os primeiros censos non son representativos xa que mesturaban esta raza coa verinesa (Carballal, 1947) ou coa mirandesa (Sánchez Belda, 1984). En 1991, só se atoparon 16 vacas cun grao suficiente de pureza para formar parte do Programa de Conservación. En 1996, o censo era xa de 124 cabezas, para alcanzar no 2005 os 284 exemplares, 408 en 2007 e 655 en 2009 (dos que 262 eran vacas de máis de 24 meses de idade), distribuídas en 29 explotacións [235]. O Libro Xenealóxico da Raza Bovina Frieiresa foi aprobado por orde da Consellería de Agricultura de 27.09.2000 (DOG nº 207, de 25.10.2000).

292 **gado da Mezquita** *s.comp.m.* Ver FRIEIRESA /293. (PIH).

293 **frieiresa** *adx.* [Vaca] dunha raza propia do concello ourensán da Mezquita e arredores, na comarca das Frieiras. *Nesta contorna cómpre non esquecerse das razas de vacas 'barrosâ' (O Barroso) e 'frieiresa', que colle o nome da contorna das Frieiras: A Gudiña, A Mezquita, anque no pasado debeu estar máis espallada por unha parte do sureste de Ourense. […] A frieiresa é un animal de fermosa estampa, corpulenta, de testa pequena e curta, de elegante e ampla cornamenta de punta escura, o fuciño groso. A cor do manto é castaño escuro ou castaño claro. Cun lombo ancho e sainte a cruz, de rexo peito, gran ventre e bo ubre, de patas máis ben curtas, con bos cascos. Como a 'barrosâ' é de boa carne, da mellor calidade. Axéitase ben ós traballos da labranza. Por outra banda hai que salientar que, pese ós esforzos administrativos encamiñados a preservar esta peculiar e fermosa raza, premiando e dando axudas para esta raza en feiras anuais e concursos, a vaca 'frieiresa', en tempos pasados tan presente no enclave 'frieirés', baixa o seu censo, diminuíndo perigosamente ano tras ano* (Raiaseca). (Fontefiz, Gud5, Mez3, PIH, Raiaseca).

294 **mirandesa 1** *adx.* Ver FRIEIRESA /293. As nosas fontes en Lamas, Porto e Vil. definen como "Vaca cos cornos revirados cara atrás". Atribúeselle tamén unha orixe portuguesa, de Miranda do Douro, cruzada coa *morucha* salmantina. A raza que en Portugal se denomina *mirandesa* é a que en Galicia se denomina *frieiresa* e é a que na costa norte de Portugal se utilizaba para sacalas barcas do mar e tamén as redes, cousa que hoxe se fai con tractores. (Fontefiz, Friei., Lamas, PIH, Porto, Vil.).

2.2.1.6. Raza limiá

Raza bovina propia da comarca ourensá da Limia e tamén presente na comarca de Monterrei, procedente, ó parecer, do cruce das razas caldelá e marela. Procede, como as outras, do tronco cántabro.

Tradicionalmente, buscábase nesta raza a triple aptitude pero, sobre todo, como animal de tiro e, secundariamente, como produtora de carne e leite. Na actualidade só se explota cara á produción cárnica nun sistema de cría extensiva. As vacas producen bos becerros para carne, presentan altos índices de fertilidade, facilidade de parto e boa produción leiteira.

A capa típica é de cor caoba escuro ou castaña, co terzo anterior sempre máis escuro có posterior, con cabos e extremos negros e orla abrancazada ó redor do fociño. Os cornos revirados en gancho curto, nos bois, e grandes e longos, coa punta cara fóra, nas femias, coa punta negra.

A alzada á cruz media é de 140 cm nas femias e 148 cm nos machos, cuns pesos de 650 e 900 kg, respectivamente, o que os converte nos exemplares máis grandes entre as razas rústicas galegas. Polo seu grandor considérase *o xigante rexional da especie bovina* (especialmente o tipo procedente da Limia Baixa) e os seus bois, de notable aptitude para o traballo no xugo, foron apreciados e exportados a Castela e, especialmente, ó País Vasco. Hoxe esta exportación continúa pero para a alta cociña vasca [236]

---

[235] http://mediorural.xunta.es/areas/gandaria/razas_autoctonas/bovina/frieiresa/ [15.06.2009] e comunicación persoal da Federación de Razas Bovinas Autóctonas de Galicia (BOAGA) (9.03.2010).

[236] O 5.09.2008 a prensa daba conta da adquisición polo carniceiro negreirés Corzán de dous bois verineses de nove anos que pesaron 900 kg cada un en canal; e que nos seus primeiros anos foran animais de traballo, como sucedía antigamente cos bois en Galicia ata a chegada dos tractores. O comprador dun deles foi o sonado cociñeiro vasco Juan María Arzak, que o 18.01.2009 volveu buscar algo excepcional e tamén foi carne de bois verineses a que adquiriu.

Contra 1536, en Monforte o bachiller Olea, anotou nas follas en branco dun libro de Xeografía de Ptolomeo da biblioteca do Conde de Lemos numerosas observacións de xeografía económica de Galicia. Entre elas figura esta:

> *Ay en Caldelas e su comarca, que es montaña, la sementera templado cada año e crece tanto que si no los paciesen cada año con sus ganados (hasta março), se perdería el pan. Aquí hay el ganado bacuno muy grande de que se provée el Reino de bueis para labrar, con melena, que con los bueis de otras partes, que son pequeños, labran con ellos e acarrean al pescueço como las mulas* (XFV5:42-43).

Disto parece deducirse que nesa zona daquela non se usaba xugo cornal. Parécenos que, polo tamaño, pola guedella e polo apreciada que era esta raza, Olea débese estar referindo á actual raza limiá.

Carballal Palmeiro calculaba en 1947 que o número de individuos desta raza era de 7.554 cabezas (sen confirma-la súa pureza). A desecación da lagoa de Antela a partir de 1958 e a consecuente desaparición das zonas onde pastoreaban os rabaños desta raza levou os censos ata a case a extinción. En 1991 estableceuse o primeiro censo de exemplares puros, con só 33 vacas, e grazas ás medidas de protección e desenvolvemento do Programa de Conservación da raza, no ano 2005 contaba 215 cabezas, 460 en 2007 e 652 en 2009 (das que 341 eran vacas de máis de 24 meses de idade), distribuídas en 40 explotacións [237]. O Libro Xenealóxico da Raza Bovina Limiá foi aprobado por orde da Consellería de Agricultura de 27.09.2000 (DOG nº 204, de 20.10.2000).

295 **ibérica** *adx.* [Vaca] da raza limiá, denominada así pola súa orixe castelá. *A raza excrusiva, ainda non hai moitos anos, era a 'barrosa'* [...] *mais que hoxe alcóntrase desnaturalizada por unha serie de cruzamentos con outras razas como son: a 'pisca' ou 'miñota'* [...]*; a 'ibérica', negra e de cornos recollidos, que se denomiña 'limiá' ou 'vianesa', por ter penetrado dende Castela por Viana do Bolo e a Limia* (Velle1:134-135). (Fontefiz, Velle1).

296 **limeá** *adx.* Ver LIMIÁ /297. A nosa fonte escribe *limea*. (Piñei2).

297 **limiá** *adx.* [Vaca] dunha raza de cor caoba escura propia da Limia. Ver VIANESA /287. (Fontefiz, PIH, Velle1).

298 ***limiana** *adx.* Ver LIMIÁ /297. A nosa fonte inclúe esta voz dentro dun grupo de "denominacións da vaca segundo a cor" e defínea como "vaca de cor rubia oscura". (Ribó).

2.2.1.7. Outras razas galegas

Recollemos tamén estas tres denominacións de razas galegas para as que os nosos informantes non proporcionan datos suficientes para que nos atrevamos a clasificalas nunha raza concreta.

299 **acardado** *adx.* Ver CARDOSA /300. (Bande).

300 **cardosa** *adx.* [Vaca] de color parda e algo clara que se dá por terras ourensás de Bande. (Bande).

301 **cardoxa** *adx.* [Vaca] con franxas negras e amarelentas. (Incio).

2.2.2. Razas foráneas

No campo galego non só estaban presentes as razas autóctonas galegas. Non resultaba inhabitual atopar nas feiras exemplares de razas propias de Portugal, León, Asturias ou Santander, do mesmo xeito que exemplares galegos eran tamén obxecto de exportación a outras comunidades próximas. As razas estranxeiras, máis seleccionadas na produción láctea e cárnica, chegaron a Galicia coa mellora das comunicacións, que permitían o transporte desde maiores distancias, e a busca de animais seleccionados, para a súa explotación directa ou como sementais mellorantes das aptitudes das nosas razas.

Ó redor de 1940 realizáronse as primeiras importacións de razas estranxeiras, concretamente a *Simmental*, de orixe suíza [238], para mellora-la rubia galega na súa aptitude cárnica. Caracterízase pola súa capa berrenda en vermello (realmente, máis alaranxado), coa cabeza branca.

---

[237] http://mediorural.xunta.es/areas/gandaria/razas_autoctonas/bovina/limia/ [15.06.2009] e comunicación persoal da Federación de Razas Bovinas Autóctonas de Galicia (BOAGA) (9.03.2010).

[238] Raza orixinaria dos vales dos ríos suízos Saane e Simme, recoñecida como raza desde 1862, e utilizada en Europa e Sudamérica para mellora-las aptitudes cárnicas das razas autóctonas.

Non foi esta a única raza estranxeira utilizada para mellora-la raza senón que tamén se recorreu a outras razas (*Charolais*, *Limousin*, *Pardo Alpina, Blanco Azul Belga*, *Fleckvieh, Blonde de Aquitania, Piamontés* etc.). Actualmente, en calquera catálogo de sementais ofrécese ó gandeiro seme de calquera destas razas.

2.2.2.1. Raza asturiana

Raza bovina rústica, de aptitude cárnica, de reducido tamaño, con dúas variedades diferenciadas (asturiana dos vales e asturiana das montañas). A capa é de cor castaña, máis ou menos degradada, cos extremos máis escuros e ventre e bragada abrancazados; pezuños e mucosas negras. Circo negro bordeando os ollos e os bordos das orellas e fociño orlados de branco. Cornos en gancho, pouco aberto, nos machos, brancos e coas puntas negras.

302 **roxa de los valles** *loc. s.* Vaca da raza vacúa asturiana autóctona. (Vill-O).

303 **asturiana** *adx.* [Vaca] da raza tradicional de Asturias. (Anca, Barre., Burela1, Estr3, Gui., Negra., Vi-Val., Vill-O, Xudán1).

2.2.2.2. Raza pasiega

Raza bovina semellante á pirenaica, propia da parte oriental de Cantabria, especialmente no val do Pas, de onde toma o nome. Destaca pola produción láctea e riqueza en graxa. A capa é de cor vermella ou retinta, coas mucosas, pezuños e puntas dos cornos negras.

Outra afamada raza propia de Cantabria é a *Tudanca*, de capa castaña con diferentes tonalidades, desde a cor vermella a case negra; os machos adoitan ser negros.

304 **pasiega 1** *adx.* [Vaca] da color da cinsa. Pode proceder das vacas mercadas en Santander, que sempre foron moi apreciadas aquí. (Común).

305 **santanderina** *adx.* [Vaca] orixinaria dos vales santanderinos. (Oroso2).

306 **tudanca** *adx.* [Vaca] dunha raza propia de Santander, concretamente da zona de Reinosa e Cabuérniga. A nosa fonte define simplemente pola súa orixe: "De Liébana". Cómpre sinalar que en tempos existiu unha raza bovina, diferente da pasiega e da tudanca, orixinaria concretamente do val de Liébana, a raza *lebanega*, hoxe extinguida. (Ancares2).

2.2.2.3. Raza leonesa

Máis coñecida pola súa denominación castelá, *Mantequera leonesa*, é unha raza autóctona practicamente extinguida, propia da zona montañosa da provincia de León, ó norte, de notable cornamenta e capa de cor acastañada, con degradacións ó redor dos ollos e orla prateada no fociño; mucosas e pezuños negros, así como o borlón do rabo.

307 **leonesa** *adx.* [Vaca] dunha raza de León. Ignoramos se o informante se refire á afamada raza de leite denominada *mantequera leonesa*. (Lestón).

2.2.2.4. Raza barroçã

De orixe portuguesa é a raza *Barroçã*, relacionada coa nosa cachena e tradicionalmente utilizada para o traballo no campo e, ultimamente, para produción de carne. Os bois desta raza protagonizan as *chegas de bois* típicas do norte de Portugal e dalgúns puntos da Limia Baixa.

Son animais de corpulencia pequena ou media, de cor castaña clara, entre palla e acereixada, máis escura nos machos, e cornos en lira alta.

308 **barrosa 1** *adx.* [Vaca] roxa da cor do barro. Tarda en medrar, é moi sobria. De orixe portuguesa, abonda en terras de Ourense. Trátase dunha raza autóctona portuguesa, coñecida como "*barroça*". *A raza excrusiva, ainda non hai moitos anos, era a 'barrosa', de pelo bermello e mucosas rosadas, tarda en medrar e moi sobria, mais que hoxe alcóntrase desnaturalizada por unha serie de cruzamentos con outras razas como son: a 'pisca' ou 'miñota', propia da rexión portuguesa do Minho e dalgunhas terras raianas de Galicia, que se caracteriza pol-o seu pequeno tamaño, cara cóncava e grandes cornos en forma de lira; a ibérica, negra e de cornos recollidos, que se denomiña 'limiá' ou 'vianesa', por ter penetrado dende Castela por Viana do Bolo e a Limia, e por último cas razas Switz, Seementhal, Heresford e holandesa, traguidas en parte pol-as granxas do Estado i-en parte por algúns propietarios de sementaes que se istalaron cas suas paradas nos*

arredores de Ourense. Ista variedade de castes fai que o gado presente un aspecto abigarrado e que se vexan pelos roxos, negros, marelos, brancos e ainda atigrados e mestizaxes infrecuentes e chocantes. Sobre do resultado de tales cruces non poidemos acadar datos exactos, anque coidamos, dada a falla de método con que se realizaron e realizan, que nada boo se debe agardar diles (Velle1:134-135). (ERG, Raiaseca, Sabu2, Velle1, Xun2).

309 **portuguesa 3** *adx.* Ver BARROSA 1 /308. (Raiaseca).

2.2.2.5. Raza cartellá

Risco deixounos esta descrición da raza cartellá (VR9:10,159-160):

> *Provista de grandes cuernos blanco-amarillentos con sus puntas negras dirigidas en forma de lira, mucosas aparentes de color negro, capa colorada, cabeza chata con ojos oblicuos, cuello robusto provisto de un amplio repliegue cutáneo (papada, barbadela), extremidades cortas, tronco voluminoso de raquis horizontal y grupa bien desarrollada y carnosa.*

310 **cartellá** *adx.* [Raza vacúa] portuguesa, que tamén se cría en Ourense, con grandes cornos en forma de lira. Carbal. recolle a forma *cartellás*. Ignoramos se é un simple plural, como parece. (Carbal., ERG).

311 **galluda 3** *adx.* [Vaca] dunha raza portuguesa que en Ourense chaman *cartellá* (ERG).

312 **portuguesa 2** *adx.* Ver CARTELLÁ /310. (Bolo, Noalla, Peno.).

313 **portuxesa** *adx.* Ver PORTUGUESA 2 /312. É regaleguización dunha palabra con gheada. (Eixo).

2.2.2.6. Raza frisoa

A raza foránea máis estendida en Galicia, e en todo o mundo, é a frisoa ou holandesa, de alta produción leiteira e boa adaptabilidade, coñecida por todos pola súa capa berrenda en negro á que se debe o nome popular de *pinta* co que a denominan comunmente.



Vacas pintas.

En realidade, débense distinguir tres variedades diferentes obtidas como resultado de distintas liñas de selección e mellora gandeira. Así temos, en primeiro lugar, a variedade Frisoa (ou *Holstein Friesian*), orixinaria da rexión de Frisia e caracterizada pola súa capa practicamente branca con algunha mancha negra e pola súa conformación en triple cuña (o terzo anterior máis desenvolvido có anterior); en segundo lugar a variedade *Mossa*, tamén holandesa, de conformación máis ou menos rectangular e a capa de cor branca e negra en proporcións semellantes; e finalmente a variedade *Groninga*, da que posteriormente se obtivo a

Canadense –de excelente aptitude leiteira-, practicamente negra e coa cabeza branca. Existe outra variedade berrenda en vermello (*Red*), de orixe alemá, pero que non se admite como incluída no estándar racial [239].

Á marxe desta distribución de cores, o estándar da raza consiste en animais aspecto vivaz e harmónico, lombo recto, tórax amplo e profundo, pescozo longo e suave, coxas rectas. As extremidades deben ser rectas e ben asentadas e o ubre equilibrado, longo e amplo, con tetos uniformes, verticais e prominentes.

En 2007, o *Concurso Nacional de Otoño*, convocado en Xixón pola Confederación de Asociacións de Frisoa Española, premiou como mellor vaca frisoa unha vaca galega, de nome *Rosalía James*, propiedade dun gandeiro de Barreiros (Lugo). Foi a primeira vez na historia deste concurso que se concedía o primeiro premio a unha vaca galega [240].

O profesor Antón Fraguas contóuno-la seguinte anécdota [241]. O pintor Uxío Souto, profesor dun instituto da Estrada, encarga ós seus alumnos un debuxo sobre o medio ambiente. Un rapaz debuxa un pastorciño gardando tres vacas que pastan. O rapaz viste un pantalón con romendos. Unha das vacas é de raza frisoa, con grandes manchas negras. Baixo o debuxo, o rapaz escribíu: *Tamén a vaca ten romendos.*

314 ***frisona** *adx.* [Vaca] dunha raza de alta produción láctea, caracterizada pola súa cor branca e negra. (Ribó, Vill-O).

315 **holandesa 1** *adx.* [Vaca] de aptitude leiteira, tamén chamada *frisoa*, seleccionada orixinalmente en Holanda. O noso informante de Noalla3 engade que *esas vacas non son de duración*. Véxase o conto da *Cuca* no cap. 16. (ILG: 85 (C:41, LU:11, OU:10, PO:21, GExt.:2)).

316 **landesa** *adx.* Ver HOLANDESA 1 /315. (Crendes, Guil2, Somo1).

317 **pinta 1** *adx.* Vaca frisoa, pola súas características manchas brancas e negras. *Ben, o caso é que das cinco vacas que tiñamos daquela, a Cuca nunca me entrou polo ollo dereito. Era pinta santanderina. E digo santanderina por decir de algures, porque ser era filla dunha vaca pequerrecha expatriada sin cornos de Suiza; que nesto da selección os suizos non se andan con argalladas, tanto na selección das vacas como na dos emigrantes que eles precisan pró seu desenrolo* (XMC:24). (Común).

318 **suísa 1** *adx.* Ver SUÍZA 1 /320. (Abe., Agro., Bas., Buga-A, Casal., Com4, Conxo, Covas, Cruído, Figue1, Figue2, Fuxás, Lous., Lucí, Neves2, Noal, Ortoño, Pal., Valad1).

319 **suíxa** *adx.* Ver SUÍZA 1 /320. (Valad2).

320 **suíza 1** *adx.* [Vaca] de raza holandesa. Cómpre sinalar que, tecnicamente, o nome de raza suíza corresponde máis á raza pardo alpina, por ser orixinaria dese país, pero a xulgar pola información que temos aplícase preferentemente ás vacas frisoas. (Común. ILG: 91 (C:36, LU:14, OU:11, PO:28, GExt.:2)).

321 **suíza 2** *adx.* [Vaca] negra ou doutra cor con pintas brancas. Nótese que, como raza, temos recollida a voz *suíza* en 91 lugares. Supoñemos que neses lugares tamén lle chamarán *suíza* á capa propia da raza holandesa. (Aranga, Arca, Carr-C, Cere., Damil, Grixó, Mour1, Pre.).

322 **torina** *adx.* [Vaca] suíza. (Gaxate, Verdu.).

323 **turina** *adx.* [Vaca] suíza. (Bar-Co).

324 ***canadiense** *adx.* [Vaca] frisoa -ou holandesa- seleccionada en Canadá, de capa practicamente negra coa cabeza branca. (Lous.).

Vaca de leite, pouco traballo. (XLF2:68) [242]

2.2.2.7. Raza pardo alpina

Outra raza presente en Galicia, neste caso de aptitude cárnica, é a pardo alpina, tamén chamada *Suíza* ou *parda suíza*.

Trátase dunha raza de vacas procedente dos cantóns máis orientais de Suíza, actualmente estendida por toda Europa. Caracterízase pola súa capa, de cor gris rato, con variacións desde o pardo ó gris prata, con orla prateada ou crema ó redor do fociño e os ollos, e cos pezuños e a punta dos cornos de cor negra, así como o fociño, a lingua, o padal e as mucosas. Ubre de cor branca ou gris clara. Críase para produción de carne aínda que a produción de leite, rica en graxa, non é desprezable.

[239] Esta variedade berrenda en vermello tamén chegou a Galicia pero tivo moi pouco éxito. Outra raza foránea, a *Fleckvieh*, tamén de aptitude leiteira, presenta esta mesma capa berrenda en vermello.

[240] *La Voz de Galicia* 2.10.2007.

[241] Comunicación persoal, 1995.

[242] Lembrámo-lo comentario xocoso duns paisanos contra 1965 ante unha postal típica de Santiago na que uns mozos vestidos co traxe tradicional galego chamaban unhas vacas frisoas que tiraban dun carro. *¿Pero os que fixeron a foto pensan de certo que as vacas suízas poden traballar ó carro?*

325 **parda 1** *adx.* [Vaca] da raza pardo alpina, de aptitude cárnica, e caracterizada pola capa da cor da cinsa. (Común. ILG:44 (C:15, LU:16, OU:4, PO:8, GExt.:1)).

326 **ratía** *adx.* Ver RATINA /327. "En Ancares no existen prácticamente más que las del *país* y las *ratías* (pequeñas y santanderinas, de pelo gris), que son buenas para leche pero blandas para el trabajo" (Ancares2:195). Este *ratía* conserva unha nasalización da vogal tónica pola perda do ene intervocálico. (Ancares2).

327 **ratina** *adx.* [Vaca] de raza pardo alpina, chamada así pola súa cor pardo-grisácea, da cor da cinsa, que lembra a dos ratos. (Arzúa4, Ben., Burela1, Ced., Cere., Com1, Gud5, Mel1, Mondo1, Mra., Negral, Oirán, Rábade, Raiaseca, Rib-S, Santi., Sob., Val-LE).

328 **retina** *adx.* Ver RATINA /327. (Cam1).

2.2.3. Razas non identificadas

Finalmente, recolleremos dous grupos de voces que nos dan como resposta á pregunta por denominacións da vaca segundo a súa raza ou segundo a súa cor. Estas respostas non nos permiten identificar raza ningunha e por iso quedan aquí separadas das anteriores. No primeiro grupo temos denominacións de vacas resultantes do cruzamento incontrolado no monte, animais híbridos ou de características que non definen un fenotipo determinado.

329 **vaca de leite 1** *s.comp.f.* Vaca de aptitude leiteira. Denominación xenérica. Aínda que esta voz non a temos rexistrada máis que en Cangas e en Zamáns, co significado de raza, o feito é que parece ser unha denominación abondo común. Tamén parece que moita xente lle dá a esta voz un certo carácter de raza, aínda que, evidentemente, se trata dunha mera cualidade. Acontece con isto o mesmo que cos cans. Hai quen, cando un pregunta de que raza é o seu can, din *cazador*. *Cazador* non é unha raza pero si hai razas máis aptas para a caza que outras. Cang2 escribe *vaca da leite*. (Cang2, Zamáns).

330 **vaca leiteira** *s.comp.f.* Ver VACA DE LEITE 1 /329. (CReis2, Meir., Troán1).

331 **crusada** *adx.* Ver CRUZADA 1 /332. (Conxo).

332 **cruzada 1** *adx.* [Vaca] recastada. (Arca, Carbal., Figue2, Mondo2, Oroso1, Rus).

333 **mestisa** *adx.* [Vaca] recastada. A nosa fonte en Buga-A dá esta voz dentro dun grupo de "denominacións da vaca segundo a cor", sen máis explicacións. (Buga-A, Figue1).

334 **recastada 1** *adx.* [Vaca] híbrida, resultado de cruces entre bovinos de distinta raza. Aplícase a calquera animal doméstico de raza indefinida. (Carde., Carr-C, Ces., Pade., Pravio).

335 **de rasa** *loc. adx.* [Vaca] de calquera raza selecta en contraposición, supoñemos, dunha *vaca do país*. É seseo por *vaca de raza*. (Pal).

336 **do país 2** *loc. adx.* [Vaca] autóctona, de calquera das razas galegas (cachena, caldelá, frieiresa, limiá ou vianesa) que está dentro do seu propio territorio natural. Fóra do seu territorio reciben unha desas cinco denominacións específicas ou mesmo algunha outra. (Fontefiz, Hermi.).

Nun segundo grupo recollemos denominacións que semellan reflectir algunha característica determinada pero, ó non achegar máis información tampouco podemos concretar máis. Algunhas destas voces indican unha orixe xeográfica que non podemos recoñecer como racial (francesa, manchega, padronesa, *castellana), outras pretenden describir unha cor (cardoa, gallarda) que tampouco nos permite supoñer que se refiran a unha raza determinada.

337 **corza 1** *s.f.* A nosa fonte inclúe esta voz baixo a epígrafe "Denominacións da vaca segundo a raza". Ignoramos que significa. Ver SER UNHA CORZA /3435, no capítulo 3.2.7. *Gando nervioso, inquieto*. (Mira.).

338 **cabañesa** *adx.* A nosa fonte inclúe esta voz baixo a epígrafe "Denominacións da vaca segundo a raza". Ignoramos que significa. (Vill-O, Xudán1).

339 **canavesa** *adx.* A nosa fonte inclúe esta voz baixo a epígrafe "Denominacións da vaca segundo a raza". Ignoramos que significa. (Mondo1).

340 **cardoa** *adx.* [Vaca] de color indefinida, con pelo de diferentes colores. Úsase só en feminino. ¿Virá de *cardosa*? (Xun2).

341 **francesa** *adx.* A nosa fonte inclúe esta voz baixo a epígrafe "Denominacións da vaca segundo a raza". Ignoramos que significa. (Eixo).

342 **gallarda 3** *adx.* As nosas fontes definen como "Vaca de color de rayas" (Saiar) ou inclúen esta voz baixo as epígrafes "Denominacións da vaca segundo a raza" e "Denominacións da vaca segundo a cor", sen máis explicacións. Supoñemos que se aplica máis ben a todo exemplar de calquera raza que teña aspecto lucido. (CReis2, Saiar).

343 **ghallarda 4** *adx.* Ver GALLARDA 3 /342. A nosa fonte escribe *jallarda*. (Couso, Lagar.).

344 **manchega** *adx.* A nosa fonte inclúe esta voz baixo a epígrafe "Denominacións da vaca segundo a raza". Ignoramos que significa. (Santi.).

345 **padronesa** *adx.* A nosa fonte inclúe esta voz baixo a epígrafe "Denominacións da vaca segundo a cor" pero supoñemos que só alude á orixe do animal. (Poulo).

346 **rebeira** *adx.* A nosa fonte inclúe esta voz baixo a epígrafe "Denominacións da vaca segundo a raza". Ignoramos que significa. (Lava.).

347 ***castellana** *adx.* A nosa fonte inclúe esta voz baixo a epígrafe "Denominacións da vaca segundo a raza". Ignoramos que significa. Coñecemos algún caso de gandeiro que dicía *esa vaca é castellana* simplemente para dicirnos que a tal vaca mercáraa en Palencia. Se o caso de Cervá2 fose semellante, esta voz sería non un distintivo de raza senón de orixe. (Cervá2).

2.2.4. Capas

A cor do pelo dun animal (a capa) constitúe un carácter decisivo na clasificación racial, polo que as denominacións que poida recibi-lo gando en función da súa cor confúndense moitas veces coas que reciba en función da súa raza. Velaí os casos das vacas marelas ou das vacas pintas, nos que non sabemos ben se os nosos informante están a falar dunha vaca de cor marela ou pinta ou dun exemplar de raza rubia galega ou frisoa, respectivamente.

A capa dun animal bovino pode ser:

- Sinxela: con tódolos pelos da mesma cor.
- Mixta: con pelos de dous ou máis cores.

Basicamente, as capas sinxelas agrúpanse ó redor destas tres cores: branca, negra ou vermella ou castaña, naturalmente con diversas tonalidades.

Cando a capa é mixta poden darse tres casos:

- Pelo branco con manchas doutra cor. Denomínase *berrenda*.
- Pelos mesturados de dúas cores pero sen formar manchas. A máis común é a capa *cárdena*.
- Pelos de tres cores formando manchas. É a capa *sarda*.

A cor do animal pode servir para darlle nome propio. En Portugal documéntase *Andorinho* (DMA:88) e *Borralho* (DMA:113). E en Galicia veremos 61 nomes propios distintos segundo a cor en 2.4.3.

348 **capa** *s.m.* Color do pelo dos animais. É voz de introdución recente por parte de veterinarios e con uso entre gandeiros industriais. Compárese coa palabra berciana *capote* da frase *Esos bueyes tienen mal capote* que ofrece VGR. (PBJ2).

349 **manta 1** *s.f.* Capa, cor do pelo dos animais. *Ista casta á qu'eu me refiro é a Vianesa de manta negra*. (FL:5).

349b **manto** *s.m.* Ver MANTA 1 /349. *A cor do manto é castaño escuro ou castaño claro* (Raiaseca).

Ao boi larpeiro o coiro lle reloz. (VLLM:1,129) [243]
Ó boi maldito relócelle o coiro. (VLLM:1,129) [244]
Ó boi malo relócelle o pelo. (ERG:boi)
É bravo o touro: ¡árdelle o coiro! (VLLM:1,150) [245]

Digamos agora unhas palabriñas verbo da cor do gando, dende a mitoloxía clásica a hoxe.

En Creta e dos amores contra natura cun touro tivo Pasífae un fillo monstruoso, o famoso Minotauro. Pero Pasífae tivo do seu marido Minos un fillo, chamado Glaucos. De neno este Glaucos, perseguindo un rato, caeu nunha tinalla de mel e afogou. Os curetas dixéronlle ó pai que o único que podía resucitar a Glaucos era quen soubese describir mellor a cor dunha vaca que cambiaba tres veces no día: de branca volvíase vermella e finalmente negra. Minos reuniu os máis sabios do reino. E un tal Polyidos conseguiuno dicindo que esa vaca maravillosa tiña a color das amoras que, por certo, empezan sendo brancas, fanse vermellas e acaban

[243] Llópiz di que o recolleu na Estación pecuaria de Vilapedre (Vilalba).

[244] Llópiz: , *lle reloz o coiro*. Di que xa figura na colección de Pedro Vallés de 1549. A E. Espasa comenta así o equivalente cast.: *los malos deseos del contrario ó enemigo suelen salir vanos, y á veces, resultan en provecho del sujeto contra quien se tienen*.

[245] Llópiz di que o recolle de Moure Mariño en Hervas (sic) (¿Herves?); cita var. *O touro é bravo, ¡árdelle o rabo!*

sendo negras de todo. Daquela Minos mandoulle resucitar a Glaucos e pechouno co cadáver. Polyidos non sabía que facer. Nestas entra na sala unha cobra que vai cara ó cadáver. Co medo de que o devore ou lle faga mal, Polyidos mata a cobra; pero deseguida aparece outra cobra que vendo morta a primeira retírase e volve dalí a un pouco cunha herba coa que toca a cobra morta e a cobra revivece. Entón Polyidos colleulle a herba e deulle con ela unhas fregas a Glaucos e este volveu inmediatamente á vida.

Branco era o Boi Mneris que recibía culto en Heliópolis, preto da terra de Xesén onde viviron os israelitas.

Branco, espectacularmente branco era o touro que raptou a Europa por conta de Zeus ou no que o propio Zeus, segundo outros, se metamorfizara para se facer coa lindísima Europa.

Branco era todo o rabaño de bois que Pan, deus dos pastores, regaloulle na Arcadia a Selene, personificación da Lúa, a quen pretendían varios deuses.

Brancos (e nados na Umbría, zona central de Italia) tiñan tamén que se-los touros que ritualmente se sacrificaban a Xúpiter no Capitolio cando un militar romano volvía vitorioso dunha batalla. De xeito que, se non eran brancos de todo, abrancazábanos con creta (*bos cretatus*) [246]. E os que non tiñan posibles para ofrecer un boi vivo, ofrecían boi un feito de fariña.

Curiosamente o refraneiro galego non parece valorar tanto a color branca dos bovinos.

Gando branco, nin no pasto nin no banco.

Ignoramos por que razón o refraneiro galego considera de inferior calidade o *gando branco* e, por iso, disque o mellor é velo no prato ou, segundo outro refrán semellante que veremos falando da carne, nin no prato é bo. Menos entenderiamos aínda se tal gando *branco* tivese algo que ver co *gando nidio* que pon ó seu amo relouquido e que Llópiz explica como *groso, graxento* apoiándose no paralelo *Gando gordo pon ao seu amo tolo*. ¿Terá que ver algo con isto o feito de que, como di outro refrán *Non come o lobo besta branca* (UCA2, EAG:21)?

Álvarez Giménez, explicando outro refrán, recolle a crenza de que *los animales de piel oscura son de más fuerza que los otros*, aínda que non di por que. A Enciclopedia Espasa, s.v. *leche,* atribúe á época romana a crenza de que *se recomendaba la leche de burra y también la de vaca negra porque el animal de este pelaje pasaba por más vigoroso*, pero xa vimos que na antigüidade romana o boi branco era o reservado precisamente para ofrecelo a Xúpiter na cerimonia solemne da celebración dun triunfo (*suovetaurilium*).

Con todo, as cantigas que falan do dote (*Heiche de da-lo boi ...*) e que axiña imos ver, prometen en sete casos un boi branco e, en cambio, só nun caso prometen un boi louro, pardo, roxo ou pinto. Esta proporción 7/1 parece indicar tamén unha certa valoración do boi branco; pero a posible intención deste dote só se descubrirá se temos en conta que vai redondeado sempre cunha vaca marela (polo tanto, de capa distinta) e que se ofrece a quen case coa filla máis nova.

Nas festas Taurias da antiga Grecia, en cambio, sacrificábanse en honor de Poseidón touros negros.

E Taboada Chivite recolle no Castro Montar (Pontevedra) a tradición de que alí aparecía na noite de san Xoán un touro negro de ouro [247].

2.2.4.1. Capa marela

Para a descrición da cor desta capa, propia da raza marela ou rubia galega, remitímo-lo lector á epígrafe 2.2.1.1., na que recollémo-las características fenotípicas da raza.

350 **boi amarelo** *loc. s.* Ourizo das castañas. Úsase nas adiviñas. (PM:55).

351 **boi marelo** *loc. s.* Ovo. Úsase nas adiviñas. (PM:681, 919).

352 **marela *gallega** *loc. s.* O informante explica que é máis clara cá rubia galega propia. Forma híbrida castelá-galega. (Noalla).

353 **vaca marela 1** *loc. s.* Tella. Úsase nas adiviñas. (PM:263).

354 **vaca roxa** *loc. s.* Tella. Úsase nas adiviñas. (PM:263).

355 **vaca roxada** *loc. s.* Estrela. Úsase nas adiviñas. (PM:20).

356 **vaca rubia** *loc. s.* Brasa. Úsase nas adiviñas. (PM:261).

357 **vaca vermella** *loc. s.* Brasa e muxicas. Úsase nas adiviñas. (FBB2, PM:261).

[246] SERVIO *Ad Aeneidem* 2,202; 3,21; 9, 627-628; *Ad Georgicam* 2,145-147.

[247] XTC1:197.

358 **xato marelo** *loc. s.* Ovo. Úsase nas adiviñas. (PM:355).
359 **albazán** *adx.* [Pelo] castaño escuro. *E os vellos, coa sua voz de lénda, contaban como unhas vacas, todas elas lucidas, de pelo albazán e de ubre chea, pacían nos campos ....* (PCa.).
360 **amarela** *adx.* Ver MARELA /370. (Frei., Pedro., Razo).
361 **castaña 1** *adx.* [Vaca] da color da casca da castaña. (Baltar, Barre., Borre., Busta., Carbal., Fol-LE, Gui., Lagar., Lamas, Lobe., Negral, Poulo, PSeca, PSil, Rib-S, Ribó, Vviño,).
362 **cereixa** *adx.* Vaca da color rubia que lembra a color das cereixas. Noalla especifica: "Rojiza", e PCal2: "Castaña rojiza". (Busta., Chan., Noalla, Oirán, PCal2, Vixoán., Vrei.).
363 **cireixa** *adx.* Ver CEREIXA /362. (Carbal., Codeso., Negral).
364 **clara** *adx.* A nosa fonte define como vaca de cor vermella clara. (Callo.).
365 **garduña** *adx.* A nosa fonte non o explica pero supoñemos que se aplicará a unha vaca dunha cor semellante á garduña. A garduña ou foíña (*Martes foina*) é un mamífero carniceiro, semellante á donicela pero máis grande, e de cor castaña escura cunha mancha branca no peito. (Codeso., Pedro.).
366 **garrida 1** *adx.* [Vaca] que tira a vermella. (Cal., Cod., ERG, Laraxe).
367 **gharduña** *adx.* Ver GARDUÑA /365. As nosas fontes escriben "jarduñas". (Santi., Sende.).
368 **lourado** *adx.* [Marelo] da cor do mel. Aplícase á capa do gando vacún. (VLLM).
369 **loureira** *adx.* [Vaca] marela. (Xun2).
370 **marela** *adx.* [Vaca] da color do trigo ou millo maduro pero admitindo moita gradación na color. As descricións que ofrecen os nosos informantes oscilan entre "rubia", "rubia clara", "blanca amarillenta", "amarillenta", "amarilla", "amarillo intenso", "entre paja y blanco", "pardo", "castaña", "castaño claro", "marrón claro" e "castaño oscuro". En Guillarei engaden "más pálida que el 'boi'", observación interesante, por certo, e extrapolable a outras razas porque os machos adoitan ter sempre a capa máis escura cás femias. Consideramos, en cambio, inverosímil a matización de Tab3 ("blanca y negra"). (ILG:154 (C:72, LU:32, OU:15, PO:35)).
371 **nespra** *adx.* [Vaca] co pelo encarnado. (SComba).
372 **roiba** *adx.* Ver RUBIA 3 /376. (Meir.).
373 **roxa 1** *adx.* [Vaca] de pelo roxo ou da color da tella. (Ancares2, Caa., Friei., Gud., Mra., Ped1, San., Toba, Vala., Vil., XER).
374 **roxa 2** *adx.* [Vaca] que ten a pel máis clara cás marelas. (Aranga, Beman., Cam4, Cervá1, Ctel1, Culle., Cur., Lava., Leir-A, Lestón, Meir., Neda, SComba, Vmaior).
375 **roxa 3** *adx.* [Vaca] de cor acastañada. (Gud7, Raiaseca).
376 **rubia 3** *adx.* [Vaca] de cor rubia clara. O noso informante de Sete-L describe graficamente esta capa como propia dunha vaca dunha cor parecida á que produce o lume ardendo. Para o informante de San. é simplemente unha vaca de cor amarela. (Ancares2, Gud., Gud7, Raiaseca, San., Sete-L).
377 **teixa 1** *adx.* [Vaca] de cor rubia trigueña ou colorada. (Cab., Camba, PIH).
378 **teixa 2** *adx.* [Vaca] de cor parda ou castaña escura. (Cre., JMP).
379 **trigheña** *adx.* Ver TRIGUEÑA /380. (Fol-C).
380 **trigueña** *adx.* [Vaca] de cor rubia, da cor da palla. (Rábade, Santi.).
381 **varela** *adx.* [Vaca] de capa moi clara, esvaída, case branca. (PIH).
382 **vermella** *adx.* [Vaca] de cor castaña acendida, ou sexa, retinta ou cobriza. As nosas fontes definen como "animal desta cor" (Nove.) ou "vaca de cor avermellada" (Goián2). Este último, mailas fontes do ILG, escriben *bermella*. (Caban., Carbal., Fara., Goián2, ILG:48(C:35, PO:13), Lobe., Nove., PIH).
383 **zreixa** *adx.* Ver CEREIXA /362. (CarbCo.).
384 ***amarilla** *adx.* Ver MARELA /370. (Piñei2, Vill-O, Vrei.).
385 **pinta de rubio** *loc. adx.* [Vaca] rubia con pintas brancas. (Ctel1).

2.2.4.2. Pinta

Chámase así a capa característica da raza frisoa ou holandesa, formada por grandes manchas brancas e negras, irregularmente repartidas e de tamaños moi variables. Tamén resulta moi variable a proporción relativa, como calquera poderá comprobar, dando lugar a capas formadas por manchas negras sobre fondo branco ou por manchas brancas sobre fondo negro.

O lector interesado pode consulta-lo traballo de Mª Sonsoles Fernández e Isabel Arredondo [248], que recolle a distribución por toda España das distintas denominacións que reciben as vacas pintas.

[248] "Los nombres de la 'vaca con manchas' en diversos ámbitos españoles" en *Archivo de Filología Aragonesa*, 36-37, 1985-1986, 573-607.

En Galicia había a crenza de que, cando unha vaca ten pintas, era porque comera as súas libracións [249].

386 **pinta 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PINZA /387. (Parade.).
387 **pinza** *s.f. Ú. m. en pl.* Zona no pelo de cor diferente ó que predomina na capa do animal. *A vaca é moura con pinzas brancas*. (Parade.).
388 **apegarada** *adx.* [Vaca] de cor negra con manchas brancas, coma as pegas. Aplícase a tódolos animais que presenten estas características. (Com1).
389 **apigarada** *adx.* Ver APEGARADA /388. (Com1, Nove).
390 **apigharada** *adx.* Ver APEGARADA /388. A nosa fonte escribe *apijarada*. (Cer.).
391 **apincharada** *adx.* Ver APEGARADA /388. (Razo).
392 **apincharaghada** *adx.* [Vaca] negra ou doutra cor con pintas brancas. A nosa fonte escribe *apincharajada*. (Medín).
393 **apincharrada** *adx.* Ver APEGARADA /388. (San.).
394 **barrosa 2** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca negra ou doutra cor con pintas brancas". (Ribó).
395 **bizcarado** *adx.* [Animal] pinto de rubio e negro. (Piquín).
396 **blanca 3** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca negra ou doutra cor con pintas brancas". (SComba).
397 **bragada 2** *adx.* [Vaca] negra ou doutra cor con pintas brancas. (Arroxo).
398 **breghada** *adx.* Ver BRAGADA 2 /397. A nosa fonte escribe *brejada*. (Bar-Co).
399 **cabrego** *adx.* [Animal ou persoa] que ten o pelo pinto de negro e branco. (Piquín).
400 **carcañada** *adx.* [Vaca] negra ou doutra cor con pintas brancas. (Noal).
401 **castaña 2** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca negra ou doutra cor con pintas brancas". (PSeca).
402 **conchada 2** *adx.* [Vaca] negra ou doutra cor con pintas brancas. (Cur1, Estr4).
403 **cruzada 2** *adx.* [Vaca] negra ou doutra cor con pintas brancas. (Cervá2, Poulo, Vviño.).
404 **fusco 2** *adx.* [Boi] de cor negra con grandes manchas brancas. (JMP).
405 **gateada** *adx.* [Vaca] pinta de negro e branco. (LG, Medín, Meis).
406 **holandesa 2** *adx.* [Vaca] negra ou doutra cor con pintas brancas. Como raza esta voz témola rexistrada en 85 lugares. Supoñemos que nestes mesmos lugares tamén se lle chama *holandesas* ás vacas berrendas (en negro e branco) con diversa proporción. (Anca, CarbCo., Damil, Lagar., Ortoño, Rib-E, Val-LE).
407 **linda 2** *adx.* [Vaca] negra ou doutra cor con pintas brancas. Parécenos máis que probable que o informante recolleu aquí un nome propio dunha vaca pinta. (Saiar).
408 **manchado** *adx.* [Boi ou vaca] negro ou doutra cor con pintas brancas. (Gud., Nove2).
409 **manchegha** *adx.* [Vaca] negra ou doutra cor con pintas brancas. A nosa fonte escribe *mancheja*. (Car2, Vmaior).
410 **marxada** *adx.* [Vaca] con pintas ou marxas dunha cor diferente á predominante na capa. (Parade.).
411 **marxeado** *adx.* [Animal] pinto de rubio e negro. (Martín).
412 **negra 2** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca negra ou doutra cor con pintas brancas". (Arme.).
413 **parda 3** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca negra ou doutra cor con pintas brancas". (Lava.).
414 **pedrés** *adx.* [Boi ou vaca] que ten varias cores con predominio de branco e negro. (Cab., Com1, Cre., ERG, ERQ, Feás-A, Goián, Laxe, Mel1, Mez., Mra., Nove., Oirós, San., Vil., XER).
415 **pedrexo** *adx.* Ver PEDRÉS /414. (Gud.).
416 **pedroso** *adx.* Ver PEDRÉS /414. Rivas Quintas defíneo como "De color mezclado... *Galiña pedrosa* es la de plumaje con pintas blanquinegras". (Drago.).
417 **pegarado** *adx.* Ver APEGARADA /388. (Com1, Incio).
418 **pegaraxado** *adx.* Ver APEGARADA /388. (Ver1).
419 **pégaro** *adx.* Ver APEGARADA /388. (Ver1).
420 **pegha 2** *adx.* [Vaca] negra ou doutra cor con pintas brancas. A nosa fonte escribe *peja*. (Lago, Meir.).
421 **pego 4** *adx.* [Gando] de varias cores, maiormente branca e negra. (Caa., Cab., Com1, ERQ, Gui., JMP, Nove., Vil., XER).
422 **pidrés** *adx.* Ver PEDRÉS /414. (Xun2).
423 **pigarado** *adx.* Ver APEGARADA /388. (Com1).
424 **pigharada** *adx.* Ver APEGARADA /388. A nosa fonte escribe *pijarada*. (Lañas).
425 **pincarraxada** *adx.* [Vaca] negra ou doutra cor con pintas brancas. (Mondo2).
426 **pínchara** *adx.* Ver PINCARRAXADA /425. (Pravio).
427 **pincharada** *adx.* Ver PINCARRAXADA /425. (Com1).
428 **pincharrada** *adx.* Ver PINCARRAXADA /425. (Neda).
429 **pinta 2** *adx.* [Vaca] de color negra e branca. As nosas fontes recollen tamén os apreciativos *pintiña* (Ben.) e *pintola* (Guil2). (Común. ILG:178 (C:77, LU:34, OU:19, PO:45, GExt.:3)).
430 **pintada** *adx.* Ver PINTA 2 /429. (Callo., Com1, Culle., Mra., Sabu3, Somo1, Somo2).
431 **pintadiña** *adx.* Ver PINTA 2 /429. (Lucí).
432 **pintarada** *adx.* Ver PINTA 2 /429. (Com1, Piquín).

[249] MMC1: 22.

433 **pintarella** *adx.* Ver PINTA 2 /429. (Ces.).
434 **pintarrada** *adx.* Ver PINTA 2 /429. (Com1).
435 **pintarreada** *adx.* Ver PINTA 2 /429. (Noal).
436 **pinterlada** *adx.* Ver PINTA 2 /429. (Consta.).
437 **pintosa 1** *adx.* Ver PINTA 2 /429. (Carbal., Piñor).
438 **pinzada** *adx.* Ver PINTA 2 /429. *A vaca é pinzada de branco*. (Parade.).
439 **piñeira 4** *adx.* [Vaca] pinta. (Pedro., San.).
440 **raxado** *adx.* [Gando] negro con pintas brancas. (Caa., Cab., Cre., Gud., Laraxe, Mez., Negra., Suarna, Vil., Vmaior).
441 **raxericado** *adx.* Ver RAXADO /440. (Fri., Vilaf.).
442 **rexericado** *adx.* Ver RAXADO /440. (Fri., Vilaf.).
443 **roxa 4** *adx.* A nosa fonte defínea como "Vaca negra ou doutra cor con pintas brancas". (Pravio).
444 **roxiricada** *adx.* [Vaca] con pintas roxas. (Parade.).
445 **xateado** *adx.* [Res] que ten o pelo mesturado de negro e branco. (Meis).
446 ***tora 1** *adx.* [Vaca] moura ou de cor con pintas brancas. (Culle., Leir-A, Razo, Suevos).
447 **medias pintas** *loc. adx.* A nosa fonte recolle esta voz dentro dun grupo de "denominacións da vaca segundo a cor", sen dar máis explicacións. (Anca).

Donde sal unha vaca pinta hai encantos na miña [sic]. (VS)
Nin vaca con píntegas nin muller espida. (VLLM:1,145) [250]

Anque me dea túa mai
a vaca pinta e maila outra,
eu non me caso contigo
porque tes moi mala nouta [251].

Miña nai e maila túa
ambas van en Paradela
vende-la becerra pinta,
filla da vaca marela. [252]

Túa nai a maila miña
van na feira de Aighualá
levan o becerro pinto
fillo da vaca pelada. [253]

Xa me daban o boi pinto
fillo da vaca marela,
se me caso cunha filla
nacida na nosa terra. [254]

2.2.4.3. Cinsenta

448 **ablancuzada** *adx.* Ver ABRANCAZADO /450. (Gud.).
449 **aborrallada** *adx.* [Vaca] da color da cinsa. (Agro., Cam1, Grixoa, Lestón, Poulo, Suevos).
450 **abrancazado** *adx.* [Animal] de cor brancuxa. (ERG).
451 **acinzada** *adx.* Ver CINCENTA /457. (Crendes, Cur1, Sende.).
452 **borralla** *adx.* Ver ABORRALLADA /449. (Cabal., Carbal., Morai., Noice., Oroso2, Oza, SComba, Sofán).
453 **borralleira** *adx.* Ver ABORRALLADA /449. (Pal.).
454 **borrallenta** *adx.* Ver ABORRALLADA /449. (Peno.).
455 **borrolla** *adx.* Ver ABORRALLADA /449. (Verdía).
456 **careto 2** *adx.* [Becerro] da cor da cinsa. O informante non especificou se a cor da cabeza tiña algunha particularidade. (Ctel1).
457 **cincenta** *adx.* [Vaca] con capa da cor da cinsa. (Anca, Ancares2, Gui., Sete-L, Vala.).
458 **esbrancazado** *adx.* Ver ABRANCAZADO /450. (ERG).
459 **ghris** *adx.* Ver GRIS /460. (Cervá2, Dum., Lañas).
460 **gris** *adx.* Ver CINCENTA /457. Supoñemos que se aplicará a unha vaca pardo alpina ou *ratina*. (Val-LE).
461 **noreña** *adx.* [Vaca] de cor cinsenta. (Arc4).
462 **roá** *adx.* [Animal] de capa gris, da color da cinsa. *Boi ou vaca roá*. (Xun2).
463 **ruza** *adx.* [Vaca] de cor gris escura. (Cab., ERG, Goián, Mez.).
464 **teixa 4** *adx.* [Vaca] grisácea. (Dúas.).
465 ***ceniza** *adx.* [Vaca] da cor da cinsa. (Alla2, Ctel1).


Heiche de da-lo boi pardo
e maila vaca marela
a maila filla máis nova
si non quére-la máis vella. [255]

[250] Llópiz: *ispida* por *espida*; recólleo de B. Rey Cortadura en Lalín.
[251] TCha:56. No texto: *mui*.
[252] Sarria3. No texto: *ban, bende-la, baca*.
[253] SCHU4/2/606c; no texto: *d'Aighualá*. ¿Será Agualada, parroquia de Coristanco?; a cantiga foi recollida en Añobres, Moraime, Muxía.
[254] Rois:95. Barreiro (Hermedelo, Rois, A Coruña).
[255] SCHU6/2/1671a.

2.2.4.4. Outras capas



Vaca raxada.



Vaca chimperreada.

466 **cuncha** *s.f.* Pinta na testa de cor distinta á do resto do corpo. *Temos unha vaca con cuncha na cabeza*. (Ctel1).

467 **toura 4** *s.f.* As nosas fontes inclúen esta voz baixo a epígrafe "Denominacións da vaca segundo a raza" (Parga) ou "Denominacións da vaca segundo a cor" (Carde.,Ces.,Teo). Ignoramos que significa. (Carde., Ces., Parga, Teo).

468 **boi branco** *loc. s.* Ovo. Úsase nas adiviñas. (PM:264).

469 **boi mouro** *loc. s.* Varredoiro do forno. Úsase nas adiviñas. (PM:261).

470 **boi negro** *loc. s.* Pa do forno. Úsase nas adiviñas. (FBB2).
471 **vaca encarnada** *loc. s.* Lingua. Úsase nas adiviñas. (PM:262).
472 **vaca moura** *loc. s.* Varredoiro do forno. Úsase nas adiviñas. (PM:261).
473 **vaca negra** *loc. s.* Varredoiro do forno ou noite. Úsase nas adiviñas. (PM:261).
474 **vaca raxada** *loc. s.* Estrela. Úsase nas adiviñas. (PM:20).
475 **vacas brancas** *loc. s.* Dentes. Úsase nas adiviñas. (PM:262).
476 **xata branca** *loc. s.* Pa do forno. Úsase nas adiviñas. (PM:1028).
477 **xata moura** *loc. s.* Pa do forno. Úsase nas adiviñas. (PM:1028).
478 **albazana** *adx.* [Vaca] de cor clara. (Peroxa).
479 **apombada** *adx.* Ver POMBA /512. (Burgo).
480 **axeixarado** *adx.* [Res] coa pel de distintas cores. (Piquín).
481 **bicado** *adx.* [Animal] cunha mancha no nariz ou no bico. (Barcia).
482 **blanca 1** *adx.* Ver BRANCA /488. (Anseán, Ben., Cadrón, Dúas., Gaxate, Gui., Guil2, Rib-S, Salv3, Somo2, Taboa., Valad1, Valad2, Xudán1).
483 **blancal** *adx.* Ver BRANCA /488. (Xudán1).
484 **boquinegro** *adx.* [Animal] que ten o fociño negro e distinto do resto da cabeza ou da cara. (ERG).
485 **bragada 1** *adx.* [Vaca] coa capa parda chapurreada de pintas grises. (Ctel1).
486 **bragado 1** *adx.* [Animal] que ten a bragada de color máis clara có resto do corpo. (ERG, SCHU).
487 **bragado 2** *adx.* [Animal] que ten unha parte do corpo de diferente cor có resto. (Piquín).
488 **branca** *adx.* [Vaca ou boi] que ten o pelo de cor branca ou brancuxa. *Heiche de da-lo boi branco e maila vaca marela....* (Oza, Ces., ERG, Lestón, Neves2).
489 **calzada** *adx.* [Vaca] con manchas brancas nas patas preto dos cascos. (Cab., San., Toba).
490 **chimperreada** *adx.* [Vaca] que ten a capa chapurreada de pintas doutra cor: neste caso era unha vaca parda con pintas grises. Parece metátese de *pincharrada*. (Ctel1).
491 **estorniña** *adx.* [Vaca] retinta con pintiñas brancas. (LG).
492 **fairana** *adx.* A nosa fonte inclúe esta voz dentro das "denominacións da vaca segundo a cor". (Vtose.).
493 **fazada** *adx.* [Vaca] que presenta unha banda de cor distinta á do resto do corpo. (LG).
494 **ferreira** *adx.* A nosa fonte defíneo como "Vaca con barbas negras". (Piñor).
495 **fusca** *adx.* [Vaca] co fociño negro. A nosa fonte en Arc1 engade que é a consecuencia dun cruce entre raza do país e raza frisoa. (Arc1, Neves2, Viso2, Viso2).
496 **loura 1** *adx.* [Vaca] do país co fociño negro. (Común).
497 **loura 2** *adx.* [Vaca] negruzca. (San.).
498 **morena** *adx.* Os nosos informantes non especifican a cor dunha vaca así calificada, excepto Anseán, que define como "pardo". (Ancares2, Anseán, Boi., Ces., Crendes, Cubi2, Culle., Fol-C, Laxosa, Leir-A, Neda, Negral, Pade., Ribe1, Ribó, Sisto, Suevos, Vilar, Vxoán).
499 **moura** *adx.* [Vaca] negra ou case. Llópiz recolle a forma *mouriña*, que define como "vaca de piel prieta". (Arc1, Arroxo, Ben., Borre., Burela1, Caa., Cam1, Ced., Cerd2, Ctel1, ERG, Estr4, Fre., Gui., JMP, Lago, Lobe., Meir., Mondo2, Noalla, Oirán, Parga, PCal2, San., Tabor., Vala., Vill-O, VLLM4, Xudán1).
500 **muína** *adx.* [Vaca] rubia co fociño negro. (Mra.).
501 **neghra** *adx.* Ver NEGRA 1 /502. (Anca, Anseán, Baíñas, Borre., Buga-N, Cer., Cervá1, Conxo, Couce., Crendes, Cruído, Dum., Estr3, Grixoa, Guil2, Lañas, Laraxe, Lestón, Lucí, Morai., Noice., Oliv., Oroso2, Poulo, Ribe1, Santi., Suevos, Teo, Valad2, Verdía, Vmaior, Vnova., Vviño,).
502 **negra 1** *adx.* [Vaca] de cor negra. (Común).
503 **parda 2** *adx.* [Vaca] rubia con fusco polo fociño. (Ctel1).
504 **parda 4** *adx.* [Vaca] de cor brancuxa. O noso informante non describe a cor desta *vaca parda* pero dá a equivalencia de *jabonera* que o DRAE define, en masculino, como "Dícese del toro cuya piel es de color blanco sucio que tira a amarillento". (Ancares2).
505 **pasiega 2** *adx.* [Vaca] rubia con pintas brancas. (Ced., Cre., Ctel1).
506 **pasiega 3** *adx.* [Vaca] roxa e branca, berrenda en vermello. (Dozón, Mond2).
507 **pasiega 4** *adx.* [Vaca] de cor branca e parda. (Ced., Cre.).
508 **pinta 3** *adx.* [Vaca] roxa ou marela cunha mancha branca nalgún lugar do corpo. (Cam1).
509 **pintarroxa** *adx.* [Vaca] berrenda en vermello. (Cam1).
510 **pío 2** *adx.* [Boi ou vaca] que ten a pel salpicada de pencas brancas. (VGR).
511 **pisco** *adx.* [Animal] co fociño negro. *É un boi pisco*. (Fra.).
512 **pomba** *adx.* A nosa fonte non define esta voz pero supoñemos que se refire a unha vaca branca. (Burela1).
513 **raxada** *adx.* [Vaca] da cor da pel do tigre e coas mesmas disposicións nas bandas. (Arc1).
514 **roxa 5** *adx.* [Vaca] marela con pintas brancas. (Ctel1).
515 **rubia e blanca** *adx.* Vaca pinta con manchas rubias e brancas. (Conxo).
516 **teixa 3** *adx.* [Vaca] negra por diante. (San.).
517 **tinta** *adx.* [Vaca] de cor case negra. (Callo.).
518 **torda** *adx.* [Vaca] de cor moura, a causa da

mestura de pelos brancos e negros, coma a plumaxe da ave dese nome. (Vnova2).

519 **torrada** *adx.* [Vaca] que é negra de medio corpo para abaixo. (LG).

520 ***mora** *adx.* Ver MOURA /499. CarbCo., Lagar., Sisán e Vxoán definen como "negra"; Cunt2: "negra o manchada de negro". O resto dos informantes do ILG non dan ningunha explicación. Tampouco o fai o noso informante en Ancares2, que nos dá esta voz dentro dunha lista e baixo o concepto de "clasificación por colores". (Amandi, Ancares2, Arme., Cabal., CarbCo., Conxo, Corb., Cunt2, Cur., Fara., Figue2, Lagar., Laraxe, Leir-A, Saiar, San., SComba, Sisán, TapiaC, Val-LE, Vnova2, Vxoán).

521 ***paloma 1** *adx.* [Vaca] branca. Algunhas fontes engaden que presenta algunha pinta negra. É tamén nome propio de vaca. (Común).

A vaca branca, nin na casa nin na praza. (Lama)

Gando branco, millor é velo no prato. (ERG:gando)

Gando branco, nin no pasto nin no banco. (ERG:gando; UCA:36.18; UCA2:37; MVN:276; MVN2:86; EAG:17; VLLM:2,88; ZM:113; XTC4) [256]

A teu pai morreulle
o boi mouro
i agora tirarás ti polo arado
fillo de "cágalle o boi no arado". [257]

Ai Maruxiña do tequelledoiro
ia teu pai morreu o boi louro
iagora tiran os bois polo carro
anda María tócate o nabo. [258]

Ai Maruxiña do trebelladoiro
á túa mai morreulle o boi gordo
e ó teu pai morreulle o bragado
e ahora tu tirarás polo carro. [259]

Eu xunguín o meu boi louro
fillo da vaca bragada
co meu chingui lingui lín
co meu chinguilín andaba
cheguei a medio camiño
esquenceume da aguillada
... [260]

Heiche de da-lo boi blanco
e maila vaca marela
e maila filla máis nova
se te non quer a máis vella. [261]

Heiche de da-lo boi louro
e maila vaca marela
a maila filla máis nova
se non quére-la máis vella. [262]

Heiche de dar o boi blanco
a mais a vaca marela,
dareiche a filla máis nova
si non queres a máis vella. [263]

Heiche de dar o boi blanco
e mais a vaca marela,
e mais a filla máis nova
si queres casar con ela. [264]

Heiche de dar o boi blanco,
fillo da vaca marela,
e maila filla máis nova
se non queres a máis vella. [265]

Heiche de dar o boi branco
e mais a vaca marela
e mais a filla máis nova
pra que te cases con ela. [266]

Heiche de dar un boi branco
fillo da vaca marela;

[256] No texto: *n'o pasto, n'o banco* (EAG); *blanco, n'o pasto, n'o banco* (MVN2); *blanco* (XTC4). Taboada recólleo do *Diccionario* de Valladares. Llópiz explica que o *banco* é a mesa de mata-las reses; recólleo de E. Carré Aldao (*A Nosa Terra*).

[257] TCha:78. No texto: *Á teu pai*.

[258] SCHU1/2/277. No texto: *tócat'o nabo*.

[259] SCHU1/2/596. No texto: *morreull'o*.

[260] SCHU1/2/238b. O romance, moito máis logo, pode lerse completo no apart. 9.4.4. *Xungui-las vacas*. *Vaca bragada* é a que ten pelaxe branca entre as patas de atrás, en contraste coa cor do resto do corpo.

[261] LimiaB:87. No texto: *mailla filla* (sic).

[262] SCHU6/2/1671d.

[263] SCHU6/2/1671b. No texto: *dareich'a.*

[264] Coto2:60.

[265] Lama2:136; Sob3. No texto: *e máis a filla / senon* (Sob3).

[266] JPBI:107.1. No texto: *bói*.

heiche de da-la máis nova
pra que te cases con ela. [267]

Iheiche de da-lo boi blanco
a maila vaca marela
a maila filla máis nova
si non quére-la máis vella. [268]

I-a Maruxiña do Ferbelledoiro,
i-a túa mai morreulle o boi mouro,
i-agora tes que tirar polo carro,
filla de cáganlle os bois no arado. [269]

Mariquiña do terbelledoiro,
a teu pai morreulle o boi louro;
agora non ten quen lle turre do carro,
filla de cángalle os bois no arado [270].

Ia pigureira
do Val de Piñeira
tu vaite tu vente tu díllelo así
que siete ladrones me tienen aquí
con siete cadenas al rodor de mi
i a vaca marela
tache na tixela
i a vaca bragada
tache na salgada
i a vaca piñeira
tache na toucieira
tu vaite tu vente tu díllelo así
que siete ladrones me tienen aquí. [271]

Mariquiña - do terbelladoiro
á teu pai - morreulle un boi mouro,
agora ti - tirarás polo carro
filla de cáganlle os bois no arado. [272]

Mariquiña do trebelledouro,
a teu pai morreulle o boi louro,
hora que non tedes gado
ti e máis el tirareis polo carro. [273]

Maruxiña do Toubeadoiro,
a tua mai morreulle o boi louro,
a teu pai morreulle o bragado
i-agora ti tirarás polo carro. [274]

Miña soghra e maila túa
van na feira da Bandeira
vende-lo becerro blanco
fillo da vaca marela. [275]

Miña soghra e maila túa
van na feira da Portela
vende-lo becerro neghro
fillo da vaca marela. [276]

Teño unha herba na ihorta
que lle chaman chopo blanco
inda onte me dixeron
que eras fillo dun boi blanco. [277]

Altas aradas
vacas raxadas,
ollo fermoso
e can rabioso. [278]

---

[267] MRV:74.

[268] SCHU6/2/1671c.

[269] Zolle:219. No texto: *morreull'o, cáganll'os.*

[270] DRAG: *cangar.* Nótese que esta versión da cantiga cambia o anterior *cáganlle os bois* por *cángalle os bois*, feito que altera substancialmente o significado. En lei dereita temos que recoñecer que DRAG escribe *cangalle.*

[271] SCHU1/2/306bisA. Os colectores dannos en nota a rodapé a seguinte explicación: *Esta cántiga insértase nun conto no que se relata a historia duns ladróns que rouban e raptan a unha pastora; ela ten unha corna ou caramela que "fala" e que non poden entender senón algúns. A mensaxe do instrumento percíbese desde fóra da cova en que está encerrada.* ***Bragada,*** *de pelaxe branca entre as patas de atrás (cando a pelaxe do resto do corpo é máis escura);* ***Salgada****, 'salga';* ***piñeira****, adxectivo que, aplicado ós galos, se refire ós que tardan en bota-la pluma e cando a botan lles sae recachada; tamén se refire ós galos sen crista; aplicado a vacas ignoramos qué é;* ***toucieira*** *'touciñeira', despensa onde se garda a carne.* Con todo iso, pódese ver neste mesmo capítulo que *piñeira* se usa en diferentes lugares de Galicia como "vaca cos cornos cara atrás, ou cara arriba ou grandes e abertos".

[272] JPBI:139.10. No texto: *d'o terbelladoiro, morreull'un, filla de cág...ll'os bois n-o arado*. Ver explicación en nota ó rf. *Mariquiña do terbelledoiro...*, no apart. 2.2.1.1. *Raza marela*.

[273] DBP:129. No texto: *trevelledouro*.

[274] Recollida por Jesús Rodríguez López. Manuscrito do arquivo da Real Academia Galega.

[275] SCHU4/2/606b.

[276] SCHU1/2/326a, SCHU4/2/606b.

[277] SCHU5/2/162a. A herba que aquí chaman *chopo blanco* posiblemente sexa o verbasco (*Verbascum thapsus*), tamén chamado *chopo, choupo e chupón*, e en cast. *gordolobo*.

[278] Nubes, estrelas, a lúa e mailo sol. PM:20.9.

Altas aradas,
vacas raxadas,
ollo formón
e boi renegón. [279]

Altas aradas
vacas raxadas,
ollo namoroso
e can rabioso. [280]

Altas aradas
vacas raxadas,
toro formoso.
Adiviña moroso. [281]

Altas aradas
vacas roxadas,
ollo fermoso
e can rabioso. [282]

As vacas ó monte,
unha xata branca as leva
e outra moura vai por elas. [283]

Campo grande,
boi fermoso,
vaca preta,
can raiboso. [284]

É un campo de vacas louras;
vén unha moura e déitaas fóra. [285]

Estando un forno cheo de vacas vermellas
veu un boi negro e botounas fóra, ¿que é? [286]

Nunha corte de vacas rubias
entra unha moura e bótaas fóra. [287]

Nunha corte de vacas rubias
entra unha moura e botounas todas fóra. [288]

¿Que serán vacas vermellas
xuntiñas en certa chousa;
entrou unha negra dentro
botounas a todas fóra? [289]

Sete bois brancos
e sete marelos,
todos pacendo
nun prado de ferro. [290]

Teño un prado cheo de vacas rubias
e vén unha moura e mátamas todas. [291]

Unha corte chea de vacas rubias,
vai unha negra e tórnaas todas. [292]

Unha corte de vacas brancas
e, polo medio, a encarnada. [293]

Unha corte de vacas vermellas,
entra un boi mouro e corre a todas elas. [294]

Unha corte moura
con dous bois brancos. [295]

Unha vaca negra
caeu no mar,
e non hai home
que a poda sacar. [296]

---

[279] Nubes, estrelas, a lúa e mailo sol. PM:20, APG:142. Tamén Noriega Varela, *Nós* 1, 1920, 17: *fermón*; para este último, o *ollo fermón* é o sol e o *boi renegón* o vento que zoa. E tamén Gud5:32: *allo formón*.

[280] Nubes, estrelas, a lúa e mailo sol. PM:20.9.

[281] Nubes, estrelas, a lúa e mailo sol. PM:20.9.

[282] Nubes, estrelas, a lúa e mailo sol. PM:20.9.

[283] Os pans no forno e maila pa. PM:1028.

[284] O ceo, o sol, a noite e o vento. APG:132. No texto: *raivoso*.

[285] APG:126. No texto: *ven, deita-as fora*.

[286] As ascuas e maila pa. FBB1:14. No texto: *bermellas*. Recollido en Goiáns, Lampón, Boiro, na Ría de Arousa.

[287] O varredoiro do forno e mailas brasas. APG:122.

[288] O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.140.

[289] As muxicas e o varredoiro do forno. PM:1027. APG:123: no texto: *bermellas, juntiñas, botoun-as á todas fora*.

[290] Os ovos na tixola. PM:919.

[291] O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.140. No texto: *ven*.

[292] O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.140.

[293] Os dentes e maila lingua. PM:262.

[294] O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.

[295] Os ovos na tixola. PM:264, APG:166.

[296] A noite. PM:1026.

2.2.4.5. Vacas coa cara branca

522 **estrela** *s.f.* Mancha branca que teñen algúns bovinos na testa. (Parade.).
523 **toro 2** *s.m.* Boi de cor que ten a cara branca. Nesta acepción non o marcamos como castelanismo porque é posible que sexa unha pervivencia do latín *torus* que nun dos seus significados equivalía a "cabezal da cama, coxín", presumiblemente brancos, e *torulus* que significa "albura, brancura". (Sofán).
524 ***estrella** *s.f.* Ver ESTRELA /522. *Vaca cunha estrella*. (Conxo).
525 **concha na testa** *s.comp.f.* Mancha branca que teñen algúns bovinos na testa. *Vaca de concha na testa*. (Agro., Ortoño).
526 **roncha blanca** *loc. s.* Mancha branca que teñen algúns bovinos na testa. *Vaca cunha roncha blanca*. (Cruído).
527 **testa blanca** *loc. s.* Vaca que ten a cara branca. (Fol-C, Tab1).
528 **aconchado** *adx.* [Animal] de cor escura coa cara branca. (Feás-A, Mel1).
529 **blanca 2** *adx.* [Vaca] de cor que ten a cara branca. (Fózara).
530 **bragada 3** *adx.* A nosa fonte define como vaca de cor que ten a cara branca. (Vixoán.).
531 **canchada** *adx.* Ver CUNCHADA /538. (Callo., Somo2).
532 **carecho** *adx.* Ver CARETO 1 /535. (Estr4).
533 **carentona** *adx.* [Vaca] de cor que ten a cara branca. ¿Será un erro por *caretona*? (Peroxa).
534 **careta 1** *adx.* [Vaca] que ten unha mancha branca na testa ou na cara. (Cam1, Cur., San.).
535 **careto 1** *adx.* [Boi] de cor que ten a cara branca. Aplícase tamén á vaca. (Común. ILG:133 (C:70, LU:25, OU:5, PO:30, GExt.:3)).
536 **conchada 1** *adx.* Ver CUNCHADA /538. (Beman., Calo, Casal., Cod., Com1, Dum., Grixoa, Gui., Macei., Oroso2, Rus, Somo1, Teo, Verdía).
537 **crista** *adx.* [Vaca] de cor que ten a cara branca. (Piñe.).
538 **cunchada** *adx.* [Vaca] de cor escura coa cara branca. (Abe., Buga-N, Cam4, Com1, Cruído, Eixo, Laiosa, Lous., Meis, Morai., Toba, Negr2, Ortoño, TapiaC).
539 **estrelado** *adx.* [Animal] cunha pinta branca na testa. (Piquín).
540 **fazado** *adx.* [Boi] de cor que ten a cara branca. (Rábade).
541 **luceira** *adx.* [Vaca] cunha mancha branca na fronte. (Ancares2).
542 **mestizo** *adx.* [Boi] de cor que ten a cara branca. (Razo).
543 **palomba** *adx.* [Vaca] de cor que ten a cara branca. (Covas).
544 **parda 5** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca de cor que ten a cara branca". (Alla2).
545 **pegho** *adx.* [Boi] de cor que ten a cara branca. A nosa fonte escribe *pejo*. (Bas.).
546 **pinto** *adx.* [Boi] de cor que ten a cara branca. As nosas fontes en Bolo e Peno. recollen *cara pinta*. (Alla2, Amandi, Arroxo, Bolo, Caban., Carño2, Carr-C, Couce., Couso, Dis., Dum., Gaxate, Miñor2, Peno., PSeca, Saiar, Samos3, SComba).
547 **pintosa 2** *adx.* [Vaca] de cor que ten a cara branca. (Piñor).
548 **recastada 2** *adx.* [Vaca] de cor que ten a cara branca. (Callo., Mour1, Vrei., Xeve).
549 **roxo** *adx.* A nosa fonte defíneo como "boi de cor que ten a cara branca". (Barre., Burgo, Carde., Damil, Gui., Lago, Lava., Meira2, Verdu.).
550 **silvada** *adx.* [Vaca] cunha pinta branca na testa e no fociño. Para LG, vaca coa cara branca. (Laxe, LG, Toba).
551 **suísa 2** *adx.* [Vaca] de cor que ten a cara branca. (Vtose.).
552 **suízo** *adx.* [Boi] de cor que ten a cara branca. (Lagar., Lamas, Rib-E, Sabu2, Sabu3).
553 **tora 2** *adx.* [Vaca] cunha pinta branca na testa. Ver TORO 2 /523. (San.).
554 **zafado 1** *adx.* [Boi] de cor que ten a cara branca. (Mon.).
555 **zafado 2** *adx.* [Boi] que ten pintas na testa de distinta cor que o resto do corpo. (LG, Piquín).
556 ***lucera** *adx.* [Vaca] de cor que ten a cara branca. (Negra.).
557 ***paloma 2** *adx.* [Vaca] de cor que ten a cara branca. (Mira.).

2.3. Morfoloxía

Con posterioridade á nosa recollida de datos, no ano 2008 na Universidade de Santiago presentouse unha tese de doutoramento titulada *O léxico da vaca. Nomes baseados no físico,* realizada por Xosé Afonso Álvarez Pérez (XAAP). A documentación que presenta é moi semellante á que se ofrece neste capítulo, pero ofrece dúas magníficas novidades: en moitos casos ofrece a etimoloxía das palabras que define e, sobre todo, ofrece unha cartografía da distribución do seu uso, co que resulta moi visual e por iso recomendámo-la súa consulta a quen estea interesado.

A información reunida nesa tese de doutoramente chega ás 1.100 entradas léxicas. Neste noso capítulo ofrecemos 2.827 entradas, aínda que aquí, coma en todo o libro, separamos como entrada propia as variantes dialectais (seseo, gheada, rotacismo, vacilacións vocálicas etc.), cousa que nesa tese non sempre se xebra, e ademais incluímos entradas fraseolóxicas (colocacións e locucións). Véxase o que diremos en 13.1.4.

2.3.1. O fociño

Considerámo-lo fociño como a rexión anterior da cabeza que comprende os beizos e as fosas nasais, cuberta por unha mucosa desprovista de pelo e de pigmentación distinta da pel do resto do corpo. A humidade propia desta mucosa débese tanto á secreción das glándulas que contén coma ó feito de que a vaca adoita lambe-lo seu fociño con frecuencia. Hai que reparar en que, por veces, os informantes parece que dan o nome dunha parte ó todo (coma tal, cando denominan *narnes* ó preguntarlles polo fociño) ou mesmo dunha parte a outra parte (*narnes* por beizos) ou o continente polo contido (*buzo* por labios), sen excluír, naturalmente, os posibles erros ou malentendidos na recolección da información.

558 **bebedeiro 2** *s.m.* Fociño. (Piquín).

559 **bétegos** *s.m. Ú. s. en pl.* Fociño dos animais. *Agarrouno polos bétegos*, *Botoulle a man ós betegos*. (ERG, MVN).

560 **bico 1** *s.m.* Fociño. (Abadín, Antas3, Aranga, Bas., Beman., Boi., Cast., Ces., Cod., Com1, CTui, Estr4, Feás-A, Grixoa, Gui., Leir-A, Mez1, Mira., Mondo2, Mra., Neda, Negral, Noalla, Oirós, Sabu3, Sob., Troán1, Vedra, Vilar, Vmaior).

561 **faces** *s.m. Ú. s. en pl.* Fociño e nariz do animal vacún. (TCha, XER).

562 **focico** *s.m.* Ver FOCIÑO /564. (Vill-O).

563 **focín** *s.m.* Ver FOCIÑO /564. (Rib-S).

564 **fociño** *s.m. Ú. t. en pl.* Parte anterior da cabeza que comprende os beizos e mailas fosas nasais. En plural recólleno ERG, Enxames, Melias, PSeca, Samos3 e Suevos. (Barre., Burela1, Carbal., Cod., Com1, Enxames, ERG, Incio, Lobe., Macei., Medín, Melias, Mez., Mondo1, Mosen., Noalla, Oza, Pravio, PSeca, Samos3, Sete-L, Sofán, Suevos, Tab1, Xun., Zamáns).

565 **fouciño 1** *s.m. Ú. t. en pl.* Ver FOCIÑO /564. (Cer., Verdía).

566 **fousiño** *s.m. Ú. t. en pl.* Ver FOCIÑO /564. A nosa fonte recólleo en plural. (Buga-A).

567 **fucín** *s.m.* Ver FOCIÑO /564. (Arroxo, Ced., Ped1, Piquín, Vilaxe, Xudán1, Xudán2).

568 **fuciñeira 1** *s.f.* Ver FOCIÑO /564. Laiosa defíneo como "Pel frouxa arredor da boca". (Laiosa, Laxosa, Piquín).

569 **fuciño** *s.m. Ú. t. en pl.* Ver FOCIÑO /564. En plural recólleno Amandi, Antas3, Baltar, Beman., Camba, Cast., Corre., Laiosa, Lamas, Lava., Oirán., Oroso2, Penela, Rus, Santi., Somo2, Veste., VFrore. e Vixoán. Anca, Arzúa2, Boi., Borre., Burela1, Camba, Cunt2, Eixo, Goián2, Gud., Gud5, Lago, Negra., Poulo, Salv3, Sete-L, Vala., Veste., Vviño. (Común. ILG:137 (C:56, LU:31, OU:20, PO:30)).

570 **fusciño** *s.m.* Ver FOCIÑO /564. (Vxoán.).

571 **fusiño** *s.m. Ú. t. en pl.* Ver FOCIÑO /564. En plural recólleno Abe., Covas, Gro1, Ribe2 e Vtose. (Abe., Agro., Baíñas, Borre., Buga-N, Cam4, Cang2, Casal., Conxo, Corb., Couce., Covas, Cruído, Estr3, Figue2, Fuxás, Gro1, Lampón, Lucí, Morai., Mour1, Negr2, Noal, Ortoño, Pal., Ribe1, Ribe2, SComba, Sisán, TapiaC, Teo, Vnova2, Vtose).

572 **fuxiño** *s.m.* Ver FOCIÑO /564. (Vxoán.).

573 **morco** *s.m.* Ver MORRO 1 /574. (Gro1).

574 **morro 1** *s.m. Ú. t. en pl.* Parte anterior da cabeza que comprende o beizo superior e as fosas nasais. En plural recólleno Baltar, Damil, Grixoa e Parga. Queremos resaltar que as distintas fontes do arquivo do ILG responden deste xeito ás preguntas "Beizos do gando vacún", "Beizo inferior da vaca", "Pel frouxa que ten a vaca arredor da boca" e "Morro da vaca". Para nós é todo o fociño. (Común).

575 **peteiro 2** *s.m. Ú. t. en pl.* Fociño. En plural recólleo Covas. (Callo., Covas, Figue1).

576 **pico 1** *s.m.* Fociño. (Amandi).

577 **fusiño de riba** *s.comp.m.* Ver FOCIÑO /564. (Lampón).

578 **peteiro d'arriba** *s.comp.m.* Ver PETEIRO 2 /575. (Teo).

579 **secafontes** *s.comp.m.* Fociño. Úsase nas adiviñas. (TCha.).

A vaca, para ser leiteira, ha de ter ubre larga, os cornos aguzados e os fuciños achatados. (UCA2:25) [297]

A vaca, pra ser leiteira, ha de ter ubre larga, os cornos afilados e o fociño achatado. (VS) [298]

[297] No texto: *e o fuciños* (sic).

[298] VS: *fociño achatado* nun manuscrito e *fuciño achatado* no mecanoescrito.

A vaca, para ser leiteira, ten que ter o teto longo, corna aguzada e fuciño mocho. (VLLM:1,132) [299]

Facemos notar que, nestes tres refráns, só a presenza dun ubre longo, entendido como de ampla implantación no ventre, estendido cara adiante e cara atrás, constitúe unha característica propia dunha boa vaca leiteira. Nin a conformación dos cornos nin a forma do fociño son indicativos da capacidade leiteira nin tampouco identifican ningunha raza de especial aptitude leiteira.

Catro na cama,
catro na lama,
dous mira-montes,
un dálle-dálle
e un seca-fontes. [300]

2.3.2. A boca

Anatomicamente é a abertura anterior dos aparatos dixestivo e respiratorio, unha cavidade limitada polo maxilar e a lingua, polas fazulas e polos dentes e a gorxa. Neste momento só nos interesa como compoñente da rexión anterior da cabeza, como rexión do corpo formada polos beizos e a pel limítrofe.

No caso da pregunta *Pel frouxa que ten a vaca arredor da boca,* os colectores de información do ILG achegan voces que, nuns casos, refírense á queixada; noutros, ós beizos e noutros ó fociño. A zona corporal aludida é tan dificilmente delimitable que non nos sorprende esa variedade de respostas por parte dos informantes. Nós permitímonos redefini-las voces en función da coherencia con outras paralelas que xa tiñamos recollidas noutras fontes.

580 **babeira 1** *s.f.* Ver BARBO 1 /588. (Piñe.).

581 **badana 2** *s.f.* Pel frouxa que ten a vaca arredor da boca. (Alla2).

582 **balbo** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. (Lamas).

583 **balo 1** *s.m.* Pel frouxa arredor da boca do gando vacún. (Arroxo, Baltar, Borre., Burgo, Codeso., ERG, Feás-A, Mira., Noalla, Pade., Pedro., Rendal, Rib-E, SComba, Vedra, VFrore.).

584 **barbada 2** *s.f.* Ver BARBO 1 /588. (Culle., Laxosa, Lucí, Noal).

585 **barbas** *s.f.pl.* Ver BARBO 1 /588. (Pal.).

586 **barbela 3** *s.f.* Ver BARBO 1 /588. (Cam4, Vxoán.).

587 **barbelo** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. (Abe., Buga-N).

588 **barbo 1** *s.m. Ú. t. en pl.* Pel frouxa que ten a vaca arredor da boca. En pl. recólleno Agro., Baña2, Bar-Co, Borre., Caa., Casal., Cast., Ces., Conxo, Figue2, Fol-C, Frei., Fózara, Gaxate, Grixoa, Gud., Lampón, Leir-A, Lestón, Miñor2, Neves2, Nove., Oroso1, Oroso2, Poulo, Ribe1, Ribe2, Sende., Sofán, Teo, Verdía, Vviño. Como vemos polas numerosas localizacións nas que se acredita o uso desta voz, ou do seu plural, esta parece se-la forma común de denomina-la rexión da cabeza que rodea os beizos. Tamén se recolle en Toba e Mez. co significado de fociño, e noutros 14 lugares co significado de beizos, o que pode ser resultado da simple proximidade física do que os informantes estaban a denominar ou ben un caso máis de chama-lo todo pola parte. Máis chamativo resulta comprobar que en Zamáns, unha das fontes desta voz co significado que nos ocupa, tamén a dan como nome da marmela ou barbela, o prego de pel que pendura do pescozo dos bovinos. Pero non é só este caso: *babeira* denomina ámbalas rexións en Piñe.; como tamén acontece con *balo* en Noalla, ou *badana* en Alla2 (aínda que este último caso máis parece un erro). Sen que nos coincidan as fontes, tamén designan os dous conceptos outras voces, como *barbada*, *barbela*, *barbilla* e *barbillo*. (Abadín, Busta., Caa., Carr-C, Com1, CReis2, Eixo, ERG, Feás-A, Goián, Goián2, Gud., Laxe, Mosen., Mour1, Mra., Nove., Nove2, Piñei2, Piquín, Rábade, Ram., Rama., Ribó, Sabu3, Saiar, Sisán, Valad1, Vrei., Vtose., Xeve, Xun., Zamáns. ILG(OU:3, PO:9)).

589 **barbo 6** *s.m. Ú. m. en pl.* O noso informante defíneo como "Pelo que ten a vaca arredor da boca" (Gud5) ou "Os pelos que teñen no labio" (Tras.). (Gud5, Tras.).

[299] Llópiz di que o recolle de Álvarez Giménez, pero no texto que manexamos nós, na páx. 9 di realmente *A vaca, pra ser leiteira, ha de ter ubre larga, os cornos afilados, e o fociño achatado*; esta variante ten tantos castelanismos que é sospeitosa de ser unha mala adaptación ó galego; a forma de Llópiz, proceda de onde proceda, parece máis enxebre.

[300] A vaca. TCha:103. No texto: *dalle-dalle*.

590 **bárbolo** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. (Cang3).
591 **beimelo** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. (Oirán).
592 **belfo 1** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. En plural recólleno Baltar e Estr4. (Baltar, Estr4, Vixoán.).
593 **belgo** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. (Porto).
594 **boca 1** *s.f.* Abertura ó exterior dos aparatos dixestivo e respiratorio, e maila cavidade correspondente. (Guil2, Parade., Sete-L).
595 **bolsa 3** *s.f.* Ver BARBO 1 /588. (Troán1).
596 **bozo 2** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. ¿Metonimia ou erro do colector da información? (TapiaC).
597 **buso** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. Pode ser denominación metonímica do contido polo eventual continente, o *buzo* ou vetillo, ou, simplemente, erro do colector da información. (Carr-C, Vcova.).
598 **chamante** *s.f.* Pel frouxa que ten a vaca arredor da boca. (Razo).
599 **fauces** *s.f.pl.* Ver BARBO 1 /588. (Caban.).
600 **gargueira 1** *s.f.* Pel frouxa que ten a vaca arredor da boca. (Com1, Gui.).
601 **gharghillo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver GARGUEIRA 1 /600. A nosa fonte escribe *jarjillos*. (Car2).
602 **ghargho** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver GARGUEIRA 1 /600. A nosa fonte escribe *jarjos*. (Car2).
603 **ghorrigha** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver GARGUEIRA 1 /600. A nosa fonte escribe *jorrijas*. (Medín).
604 **gorgueira 2** *s.f.* Ver GARGUEIRA 1 /600. (Veste.).
605 **larfio** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BARBO 1 /588. (Barre.).
606 **mandil** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. (Laraxe).
607 **marmelo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BARBO 1 /588. (Callo., Negra., Teo).
608 **moufa** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver BARBO 1 /588. (Santi.).
609 **pacedeiro 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PACEDOIRO 2 /610. (Chan.).
610 **pacedoiro 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Pel frouxa que ten a vaca arredor da boca. (Dozón).
611 **palao** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. (Melias).
612 **párdalo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BARBO 1 /588. (Burela1).
613 **pastador** *s.m. Ú. m. en pl.* A nosa fonte lematízao en plural e defíneo como "pelos que teñen no labio". (Tras.).
614 **pelico 1** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. (Bas.).
615 **poro** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. (Val-LE).
616 **rebarbo** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. (Viso1).
617 **remoallo 2** *s.m.* O noso informante defíneo como "Pel frouxa que ten a vaca arredor da boca". Probablemente esteamos ante un caso claro dun informante que non entendeu o que lle preguntaban ou dun colector que non entendeu o que lle explicaban, xa que co nome de *remoallo* desígnase habitualmente o bolo alimenticio que, sospeitamos, estaría remoendo a vaca nese momento. Pero non sería o primeiro caso no que unha parte do corpo se designa co nome doutra contigua ou do que acontece noutra contigua. (Carbal).
618 ***barbilla 3** *s.f.* Ver BARBO 1 /588. (Corb., Lava., Valad1, Vnova2).
619 ***barbillo 2** *s.m.* Ver BARBO 1 /588. (Viso1).

2.3.3. Os beizos

Os beizos son dous órganos músculo-membranosos que circunscriben a cavidade bucal. Están dotados de gran movilidade e sensibilidade táctil.

620 **balbelo** *s.m.* Beizo inferior da vaca. (Arzón).
621 **barbo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BEIZO /625. Algunhas das nosas fontes limitan a denominación ó beizo inferior da vaca. (Bar-Co., Bolo, CarbCo., Carr-C, Carr-G, CReis2, Gud., Mez., Miñor2, Morga., Noalla, Peno., Piñei2, PSeca, Rama., Saiar, Salv3).
622 **beifo** *s.m.* Ver BEIZO /625. (Feás-A, Sob.).
623 **beiso** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BEIZO /625. Baíñas recólleo en singular. (Baíñas, Buga-N, Cam4, Cang3, Conxo, Covas, Dum., Fuxás, Morga., Negr2, Ortoño, Ribe1, SComba, TapiaC).
624 **beixo** *s.m. Ú. m. en pl.* Beizo. En plural recólleno Bas., Corb., JMP, Neves2, Pal. (Bas., Com1, Corb., JMP, Neves2, Oroso1, Pal.).
625 **beizo** *s.m. Ú. m. en pl.* Labio, tanto de persoas (menos usado) como de animais, especialmente de gando vacún. Recólleno en plural as seguintes fontes: ILG:94 (C:41, LU:25, OU:4, PO:21, GExt.:3). Queremos resaltar que das fontes do ILG unhas definen esta voz como "labios do gando vacún", outras como "labio inferior da vaca", outras como "morro da vaca", e outras como "pel frouxa que ten a vaca ó redor da boca". (Aranga, Arca, Boi., Burón, Cab., Callo., Ced., Cervá2, Com1, Corre., Cre., Culle., Cur., Dum., ERG, Fri., Gui., Gun., Laxe, Macei., Mel1, Mez., Nove., Oirós, Parga, Ribad., Rus, San., Sob., Suarna, Vala., Ver1).
626 **belfo 2** *s.m.* Beizo inferior da vaca. *Foi a bater co-os belfos n'un aguzado seixo e cía recelosa* (JM:40). (JM, Vixoán.).
627 **belfro** *s.m.* Beizo. (Com1).
628 **bemba** *s.f. Ú. m. en pl.* Beizo. Com1 defíneo como "fociño". (Caa., Cab., Com1).
629 **benzo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BEIZO /625. (Oroso1).
630 **beto** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BEIZO /625. (Somo1).
631 **bico 2** *s.m. Ú. t. en pl.* Ver BEIZO /625. En plural recólleo Burgo. En Sabu3: *vico*, co significado de labios, pero *bico* como morro. (Burgo, Com1, Fri., Gun., Laxe, Mel1, Sabu3, San., Toba, Valad1).
632 **caixelo** *s.m.* Beizo inferior da vaca. (Anca).

633 **canabón** *s.m.* Beizo inferior da vaca. (Barre., Samos3).

634 **labio** *s.m. Ú. t. en pl.* Beizo inferior da vaca. En plural recólleno Alla2, Baltar, Bas., Chan., Fara., Fol-C, Lago, Morai., Noalla, Oliv., Sisán e Taboa. Os nosos informantes en Anca, Baíñas, Meir.,Rib-S defíneno como "Pel frouxa que teñen as vacas arredor da boca". (Alla2, Anca, Baíñas, Baltar, Bas., Buga-A, Chan., Fara., Fol-C, Gud., Lago, Meir., Morai., Noalla, Oliv., Sisán, Taboa.).

635 **luzo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BEIZO /625. ¿Será erro por *buzo*/*buzos*? (Macei.).

636 **maixelo** *s.m.* Ver MEIXELO /639. (Laxe).

637 **marmelo 2** *s.m.* Ver MEIXELO /639. (Agro., Estr4).

638 **meixela** *s.f.* Ver MEIXELO /639. (Troán1).

639 **meixelo** *s.m.* Beizo inferior da vaca. (Abadín, Baña2, Car2, Cubi2, Gui., Mosen., Peno., Rib-E, Suarna, Taboa., Xeve).

640 **mermelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver MEIXELO /639. (Burela1, Vala.).

641 **morro 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BEIZO /625. (Agro., Cruído, Culle., Figue1, Grixoa, Meir., Noal, Piñor, Sabu2, Valen.).

642 **moucelo** *s.m.* Ver MEIXELO /639. (Negra.).

643 **nefres** *s.m.pl.* Beizos. (Com1).

644 **pacedeira** *s.f. Ú. t. en pl.* Beizo do gando vacún. En plural recólleno Carño2, Piñe., San. e Sende., co valor de pel frouxa que ten a vaca ó redor da boca. (Carño2, Mel1, Piñe., PSil, San., Sende., Sob., XER).

645 **pacedeiro 1** *s.m. Ú. t. en pl.* Beizo inferior da vaca. (Camba, Piñor).

646 **padao** *s.m.* Beizo da vaca. En plural recólleo Carbal. Piñor escribe *padáo*, e Carbal. *padáos*. (Carbal., Meira2, Piñor).

647 **pastadeira** *s.f.* Beizo do gando vacún. O noso informante na Gudiña emprégao en plural: *pastadeiras*, e especifica, sen que o entendamos, que designa a parte interior dos beizos da vaca. Cómpre sinalar que o orixinal lese moi mal e pode ser *pas/pes... ei/oiras*. (Gud., Vil.).

648 **peteiro 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Beizo da vaca. (Bidu., Calo, Couso, Lucí, Teo).

649 **vinco** *s.m.* Beizo inferior da vaca. (Com4).

650 ***carrillo** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "Beizo inferior da vaca". (Negral).

651 **barbo de abaixo** *s.comp.m.* Beizo inferior da vaca. As nosas fontes escríbeno: *barbo de abaixo* (CReis2, Piñei2), *barbo da baixo* (Saiar) e *barbo d'abaixo* (Bar-Co, Carr-G). (Bar-Co., Carr-G, CReis2, Piñei2, Saiar).

652 **beiso de abaixo** *s.comp.m.* Ver BEIZO DE ABAIXO /655. (Dum.).

653 **beixo d'arriba** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver BEIZO /625. (Figue2).

654 **beixo de abaixo** *s.comp.m.* Ver BEIZO DE ABAIXO /655. As nosas fontes escríbeno: *beixo da baixo* (Cam4), *beixo d'abaixo* (Corb., Pal.) e *beixo de baixo* (Figue2). (Cam4, Corb., Figue2, Pal.).

655 **beizo de abaixo** *s.comp.m.* Beizo inferior da vaca. As nosas fontes escríbeno: *beizo da baixo* (Codeso., Cur., Pedro., Rendal), *beizo de abaixo* (Antas3, Arroxo, Cerd2, Consta., Mondo2, Tabor., Vmaior), *beizo de baixo* (Gaxate, Medín, Nive., Verdu.,Vill-O) e *beizo d'abaixo* (Estr4, Lestón, Sisto, VFrore., Vi-Val., Zamáns). (Antas3, Arroxo, Cerd2, Codeso., Consta., Cur., Estr4, Gaxate, Lestón, Medín, Mondo2, Nive., Pedro., Rendal, Sisto, Tabor., Verdu., Vi-Val., Vill-O, Vmaior, Zamáns).

656 **beizo de arriba** *s.comp.m.* Ver BEIZO /625. (Medín).

657 **bico de abaixo** *s.comp.m.* Ver BEIZO DE ABAIXO /655. As nosas fontes escríbeno: *bico de abaixo* (Bas., Burgo, Pade., Ribe1), *bico d'abaixo* (Noal) e *bico de baixo* (Fol-C, Grixoa, Medín, Pre.). (Bas., Burgo, Fol-C, Grixoa, Medín, Noal, Pade., Pre., Ribe1).

658 **buso de baixo** *s.comp.m. meton.* Ver BEIZO DE ABAIXO /655. (Abe.).

659 **fociño de abaixo** *s.comp.m.* Beizo inferior da vaca. (Tab1).

660 **fouciño d'abaixo** *s.comp.m.* Ver FOCIÑO DE ABAIXO /659. (Cer.).

661 **fuciño de abaixo** *s.comp.m.* Ver FOCIÑO DE ABAIXO /659. As nosas fontes escríbeno: *fuciño da baixo* (Carb3), *fuciño de baixo* (Somo2), *fuciño de abaixo* (Noice.), *fuciño d'abaixo* (Crendes, Eixo, Santi., Sende.) e *fuciño d'abaxo* (Oroso1). (Carb3, Crendes, Eixo, Noice., Oroso1, Santi., Sende., Somo2).

662 **fusiño de abaixo** *s.comp.m.* Ver FOCIÑO DE ABAIXO /659. As nosas fontes escríbeno: *fusiño d'abaixo* (Buga-N) e *fusiño de baixo* (Fuxás, Nove2). (Buga-N, Fuxás, Nove2).

663 **labio de abaixo** *s.comp.m.* Beizo inferior da vaca. As nosas fontes escríbeno: *labio da baixo* (Morai., Rus, TapiaC), *labio d'abaixo* (Alla2, Baltar, Oliv.), *labio de baixo* (Lago, Sofán) e *labio do baixo* (Poulo, Vviño). (Alla2, Baltar, Lago, Morai., Oliv., Poulo, Rus, Sofán, TapiaC, Vviño.).

664 **marmelo d'abaixo** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Beizo inferior da vaca. (Negra.).

665 **morro de abaixo** *s.comp.m.* Beizo inferior da vaca. As nosas fontes escríbeno: *morro d'abaixo* (Vrei.) e *morro dabaixo* (Figue1). (Figue1, Vrei.).

666 **morro inferior** *s.comp.m.* Beizo inferior da vaca. (Frei.).

667 **padao da abaixo** *s.comp.m.* Beizo inferior da vaca. (Meira2).

668 **párpado da baixo** *s.comp.m.* A nosa fonte defíneo como "Beizo inferior da vaca". (Melias).

669 **peteiro d'abaixo** *s.comp.m.* Beizo inferior da vaca. (Lucí, Teo).

670 ***carrillo d'abaixo** *s.comp.m.* Beizo inferior da vaca. (Camba).

2.3.4. As fosas nasais

Máis coñecidas como as *ventas*, constitúen a abertura do aparato respiratorio ó exterior e permiten que o aire se humedeza e quente ó paso polas súas estruturas internas, á vez que o epitelio ciliado que as recobre retén os corpos estraños que o aire poida ter en suspensión.

671 **brusco** *s.m. Ú. s. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais da vaca. (Alence).
672 **bufarra** *s.f. Ú. s. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais da vaca. (Antas3).
673 **mefre** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais da vaca. (Ibias2).
674 **narighal** *s.m. Ú. m. en pl.* Fosa nasal. (Anca).
675 **narís** *s.m.* Fosa nasal. (Callo., Cunt2, Goián2, Neves2, Valad2, Vxoán.).
676 **nariz** *s.m. Ú. m. en pl.* Fosa nasal. Rib-S é o único informante que nolo dá en singular. (Arroxo, Barre., Callo., Carr-G, Eixo, Fol-LE, Fózara, Laiosa, Meira2, Mondo2, PSeca, Rib-S, Ribó, Samos3, Vala1, Vill-O).
677 **narne** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver NARNO /680. Con interrogación no orixinal: *NARNES?*. (Ben., Mondo1).
678 **narneo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver NARNO /680. (Ced.).
679 **narnio** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver NARNO /680. (Ced., Xudán1).
680 **narno** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais do gando vacún. (Vala.).
681 **nascarilla** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais. (Caa., Cab., Lago, Meir.).
682 **ollar 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais. (Noalla).
683 **venta** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais. En Taboa. defíneno como "pel frouxa arredor da boca". Fuxás e Pedro. recollen as formas *termar a venta* e *ajarrala venta*. (Común: Arme., Arroxo, Baíñas, Barro, Burgo, Cadrón, Callo., Carb3, Cast., Cer., CLam3, Consta., Culle., Cur1, Frei., Grixó, Laiosa, Lañas, Leir-A, Lestón, Medín, Meir., Negral, Noal, Oza, Parga, Rábade, Rendal, Rib-E, Sende, Suevos, Taboa., Xun2. ILG:111 (C:56, LU:18, OU:16, PO:21)).
684 **ventá** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais. En pl. tódalas fontes dan a forma *ventás*. (Burón, Ced., Com1, Couce., Per., Pravio, Razo, Suarna, Zolle. ILG:41 (C:10, LU:7, OU:2, PO:22)).
685 **ventán** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver VENTÁ /684. En pl. tódalas fontes dan a forma *ventáns*. (Arzón, Cam1, Cam2, Dum., Laxe, Miñor2, Razo, Ribe2, SComba, Vcova. ILG:28 (C:25, PO:3)).
686 **vento** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais. (Cam1, PSeca).
687 ***ventana** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver VENTÁ /684. Tódalas fontes dan o pl. *ventanas*. (Corb., Gro1, Mez., Sisán, Val-LE, Xeve).
688 **burato das narices** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais. (Baltar).
689 **ollo do nariz** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais da vaca. *Suxeitar a vaca polos ollos do nariz*. (Gud5).
690 **venta da nariz** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais da vaca. (Nove2).
691 **ventán das narices** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais da vaca. A nosa fonte usa o pl. *ventáns*. (Rus).
692 ***ventana da narís** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas fosas nasais da vaca. A nosa fonte usa o pl. *ventanas*. (Oliv.).

2.3.5. A queixada

É a rexión da cabeza que asenta sobre a mandíbula ou maxilar inferior. Na parte anterior presenta unha prominencia equivalente ó queixo da xente.

693 **queixada 2** *s.f.* Mandíbula inferior, rexión da cabeza que asenta sobre a mandíbula. Nas fontes do ILG observamos que algunhas responden así á pregunta "pel frouxa que ten a vaca arredor da boca" e outras á de "beizo inferior da vaca". Cremos que a nosa definición de "rexión da cabeza que asenta sobre a mandíbula inferior" engloba todo iso. En Cam2 falan sempre das *queixadas*, en plural. (Común).
694 **queixal 2** *s.m.* Ver QUEIXADA 2 /693. Os nosos informantes en Peno. e Bolo recollen esta voz como "Pel frouxa que ten a vaca arredor da boca". (Bolo, Carño2, Peno., Sabu3).
695 **queixela** *s.m.* Ver QUEIXELO 1 /696. (Xudán1).
696 **queixelo 1** *s.m.* Queixo e por extensión beizo inferior da vaca. (Antas3, Ben., Ced., Cervá1, Cervá2, Ces., Cur1, Damil, Fre., Laxosa, Leir-A, Meir., Meira2, Mira., Mon., Oirán, Parga, Pravio, Rábade, Vilar, XERCG).
697 **queixo 2** *s.m.* Parte anterior da mandíbula e por extensión beizo inferior da vaca. (Guil2).
698 **queixal de abaixo** *s.comp.m.* Ver QUEIXADA 2 /693. As nosas fontes escríbeno: *queixal de abaixo* (Cang2) e *queixal d'abaixo* (PSeca). (Cang2, PSeca).
699 **queixelo de baixo** *s.comp.m.* Ver QUEIXELO 1 /696. (Caa.).

2.3.6. O papo

É a parte inferior da cabeza, comprendida entre as dúas ramas da mandíbula. É unha rexión branda, carnosa, sen base ósea, da que volveremos falar no capítulo de *Patoloxía*, concretamente en 8.4.2. *Distomatose hepática*.

700 **papada 2** *s.f.* Ver PAPO 1 /702. A nosa fonte defíneo, cremos que erroneamente, como "Pel frouxa que ten a vaca arredor da boca". (Sisto).

701 **papeira 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PAPO 1 /702. A nosa fonte defíneo, cremos que erroneamente, como "Pel frouxa que ten a vaca arredor da boca". (Sisto).

702 **papo 1** *s.m.* Parte carnosa situada na cara inferior das queixadas. (Común).

2.3.7. Os ollos

Son os órganos da visión, parte externa e visible dun conxunto de elementos que constitúen o órgano da vista. A parte fundamental é o globo ocular, rodeado dunha serie de órganos auxiliares e de protección: órbita, pálpebras, conxuntiva, glándulas lacrimais e diversos músculos. A córnea, esa superficie transparente central, toma nos bóvidos unha forma ovalada disposta transversalmente. Paga a pena cita-la existencia, nos mamíferos domésticos, dunha terceira pálpebra ou membrana nictitante, vertical, que se abre desde o ángulo nasal do ollo.

703 **mirador** *s.m. Ú. m. en pl.* Ollo. Úsase nas adiviñas. (PM:363).

704 **ollo 1** *s.m.* Órgano do sentido da vista. (Común).

Catro andadores,
dous miradores,
dous mirasoles
e un dálle-dálle. [301]

Dous miracielos,
dous matadores,
un espantamoscas
e catro andadores. [302]

Dúas torres altas,
dous miradores,
un espantamoscas
e catro andadores. [303]

Dúas torres altas,
dous miradores,
un quitamoscas
e catro andadores. [304]

Ten dúas torres mui altas,
dous mirantes,
catro andantes
e un enxota-moscas. [305]

705 ***miracielos 2** *s.comp.m. pl.* Ollo. Úsase nas adiviñas. (PM:363).

2.3.8. As orellas

O órgano da audición, aínda que tamén cumpre outra importante función, a do equilibrio, está representado polo oído, boa parte del aloxado nos ósos temporais e quedando visible externamente só o pavillón auricular ou, comunmente, orella. Coma no home, o oído dos bovinos está formado ademais por un oído medio (cavidade do tímpano e os pequenos ósos do oído) e un oído interno (labirinto).

O pavillón auricular ou orella dos mamíferos domésticos é móbil e permite recoñece-la orixe dos sonidos sen necesidade de move-la cabeza. A forma e disposición varía segundo a especie animal. No vacún, as orellas adoitan ser anchas e lixeiramente caídas, estando colocadas inmediatamente detrás e debaixo dos cornos.

[301] A vaca. TCha:99, PM:363.195, Gud5:30. No texto: *dalle-dalle* (PM).
[302] A vaca. PM:363.195.
[303] A vaca. PM:363, APG:105, VG:14.5.1988, Castre.
[304] A vaca. Gud5:30.
[305] O boi. APG:89.

706 **aurella** *s.f.* Ver ORELLA /707. (Com1, Porto).
707 **orella** *s.f.* Pavillón auditivo externo. (Común).
708 **ourella** *s.f.* Ver ORELLA /707. (Com1, Grixó, Marín, Mra., Razo, Xun.).
709 **pendente** *s.m. Ú. m. en pl.* Guedella de pelo abundante na cara interna do pavillón auditivo, característica das vacas de raza vianesa. (RBG-I).

Na Idade Media falábase de *orellas merxudas* (escrito *merjudas*) como veremos cando falemos da embestida (3.2.12). Polo que alí se dirá non o incorporamos.

2.3.9. A testa

Parte frontal da cabeza. Asenta sobre os ósos frontais e parietais e está limitada lateralmente polos cornos e os ollos, e superiormente pola protuberancia fronto-occipital. O estándar racial da raza rubia galega di que debe ser plana ou lixeiramente subconvexa e rematada por riba cun mechón de pelo máis ou menos abundante da mesma cor cá capa.

710 **melena 2** *s.f.* Mata de pelo que cae desde a testa, característica das razas rústicas. (Tras.).
711 **testa 1** *s.f.* Fronte ou parte prominente do óso frontal. Compárese con MOLEIRA /1268 no apartado 2.3.11.1.). (Común).
712 **tiesta** *s.f.* Testa da vaca. (Ibias2).

Boi, frontudo; e cabalo, cascudo. (ERG:boi) [306]
O boi, cacholudo; e o faco, cascudo. (VLLM:1,146)
O boi, frontudo; e o cabalo, cascudo. (VLLM:1,146; VS) [307]
Boi, testudo; e home, forzudo. (ERG:boi)

2.3.10. Os cornos



Nacemento dos cornos.

[306] Indica as cualidades que se prefiren nos animais dunha e da outra especie.
[307] Llópiz recólleo de J. Fernández Losada. Saco ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Boi cornudo, cavalo cascudo* (Chaves); E.: *Buey frontudo, y caballo cascudo* (Correas).

As prominencias defensivas que teñen os bovinos na testa compóñense anatomicamente de tres partes: a capa externa, ou *corno* propiamente dito, de natureza córnea (valla a redundancia) e formada pola epiderme da pel da fronte, cornificada, composta por láminas envaiñadas entre elas que brotan por capas sucesivas; debaixo deste estoxo córneo vai a *membrana queratóxena*, formada por tecido conxuntivo fortemente irrigado, e, baixo ela, a derme papilar, constituíndo todo iso o *sabugo* ou *sámago*; finalmente está o soporte óseo do corno, que é o que en definitiva dá a forma e o tamaño dos cornos. É unha excrecencia ou prolongación do óso frontal, de estrutura esponxosa, e no interior alberga unhas cavidades comunicadas cos seos frontais.

Os cornos aparecen xa ó pouco de nacer, e antes dos tres meses xa se aprecian claramente. Como xa dixemos anteriormente, o crecemento dos cornos ó longo da vida do animal é constante e regular, en capas sucesivas anuais que van medrando debaixo da do ano anterior, o que dá lugar a uns engrosamentos ou aneis na base do corno que permiten, dunha forma aproximada, determina-la idade do animal.

A forma, o tamaño e a disposición dos cornos é moi diversa, e constitúe un carácter racial que está ben definido no estándar da raza de que se trate. En exemplares non puros, a disposición dos cornos, coma a cor da capa, son moi variables, o que dá lugar a unha notable variedade de adxectivos para denomina-los animais cos cornos cara arriba, cara abaixo etc. e que recolleremos a continuación.

Temos que engadir, de calquera xeito, que o estándar racial para a rubia galega, segundo o que recolle o libro xenealóxico desta raza, establece que os cornos deben ser de nacemento posterior, dirixidos cara adiante e arriba, coas puntas lixeiramente inclinadas cara atrás; que a tonalidade debe ser rosada branquecina na base, sen pigmentación, agás nalgunhas ocasións nas que presenten escurecemento cara as puntas. Considérase carácter beneficioso a diminución do tamaño dos mesmos, particularmente nos machos, nos que, de feito, xa son máis curtos e grosos [308]:

A seguir recollémo-las voces que denominan os cornos propiamente ditos, tanto no seu sentido individual como colectivo (cornamenta).

Nun segundo grupo citarémo-las denominacións do sabugo, capa conxuntiva branda entre o corno e a base ósea; e nun terceiro as denominacións da propia base ósea.

Para a simboloxía dos cornos véxase 13.2.5.

2.3.10.1. O corno exterior

713 **aguzado 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:831).

714 **ancorna** *s.f.* Cornamenta. A nosa fonte dálle o valor de "cornos" e "medula do corno". (Ancares2).

715 **andavio** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. No verbo dos cesteiros de Mondariz. (Mond1).

716 **apuntante** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:209).

717 **asta** *s.f.* Corno. (Anca, Meir., Ribó, Val-LE).

718 **astia** *s.f. Ú. m. en pl.* Corno. (Rib., Rib1).

719 **cabezada 2** *s.f.* Cornamenta. (Estr4).

720 **casta** *s.f.* Cornamenta. Describindo o carnaval ou *antroiro* o noso informante explica o seguinte: *Despois saía a parexa d'os bois arando c'un arao, c'un xugo ia mulida; viñan aquelos boizarrois, c'úas castas desasjeradas arando polo medio d'ahí ia'l ome, l'amo, sementando'l pan con borrallo que botaba (a) xente*. (Ancares2:167).

721 **corna 1** *s.f. U.m. en pl.*Cornamenta. *Este boi ten moita corna* (ERG). En plural en Barre., Beman., Boi., Burgo, Cam2, Camba, Carb3, Carño2, Casal., Cer., Cere., Codeso., Consta., Crendes, Cubi2, Figue1, Lañas, Leir-A, Lendo, Medín, Melias, Mira., Noal, Noice., Oza, Piñor, Rendal, Sabu3, Vixoán., Vmaior. (Común: Abadín, Alence, Anseán, Arzúa2, Bidu., Calo, Cang3, Chan., Com1, Couso, Culle., Dúas., ERG, Feás-A, Fri., Gui., Gun., Laiosa, Lamas, Laraxe, Laxe, Laxosa, Lobe., Meira2, Mel1, Mon., Negral, Nive., Pade., Parga, Penela, Pentes1, Piñei., Poulo, Pravio, Ribe1, Samos3, Santi., SComba, Sob., Taboa., Vala1, Valad1, Veste., VFrore., Vil., Vviño, Xun.).

722 **cornada 1** *s.f.* Cornamenta. (CReis2, Nove2, Pedro., Vilar).

723 **cornadura** *s.f.* Cornamenta. (ERG, VFrore.).

724 **cornama** *s.f.* Cornamenta. (Cang3).

725 **cornamenta** *s.f.* Conxunto dos cornos dun bovino adulto. (CReis2, Cruído, Gaxate, Gui., Troán1).

726 **cornaxe** *s.f.* Cornamenta. Só en Xun. se indica o xénero feminino. (Busta., Callo., CarbCo., CTui, Fol-C, Gaxate, MCouso, Peroxa, Verdu., Xun.).

727 **cornazo 1** *s.m.* Corno longo e grande. (ERG).

728 **corno 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Apéndice duro que

[308] *Libro xenealóxico da raza Rubia Galega*, por Resolución da Dirección Xeral de Gandería (BOE de 1º de outubro de 1969).

os ruminantes teñen na cabeza. ERG recolle tamén o diminutivo *corniño*. En plural recólleno ILG:119 (C:58, LU:10, OU:14, PO:36, GExt.:1). (Común. ILG:212 (C:96, LU:39, OU:24, PO:52, GExt.:1)).

729 **corrolí** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:210).

730 **duro** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:204).

731 **encorna** *s.f.* Cornamenta. (Vala.).

732 **encornadura** *s.f.* Cornamenta. (Anca, Ben., Burela1, ERG, Incio, Lago, Lampón, Meir., Oirán).

733 **escornadura 2** *s.f.* Cornamenta. (Borre.).

734 **estaca 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Corno. A nosa fonte recólleo en plural. (Noal).

735 **fouciño 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:216).

736 **fungueiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:210).

737 **gaio** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. (Dena).

738 **gaita 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Corno. (Piñor).

739 **galla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Corno. (JMP, Noalla3).

740 **gallada 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Corno. (LG).

741 **galladura 1** *s.f. Ú. t. en pl.* Cornamenta dos bovinos. En plural recólleo LG. (Gro1, LG).

742 **gallás** *s.f.* Cornamenta. Supoñemos que é unha variante da *gallaxe*. (Baltar).

743 **galleira 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Corno. (LG).

744 **gallo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. (JMP, LG, PAre1).

745 **gancheta** *s.f.* Cornamenta. (Mez.).

746 **ghalla** *s.f. Ú. m. en pl.* Corno. (Crendes).

747 **ghallaxe** *s.f.* Cornamenta. A nosa fonte non indica o xénero gramatical. (Ribad.).

748 **ghalleiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno, se é moi aberto. A nosa fonte escribe *jalleiros*. (Lampón).

749 **matador 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:363).

750 **odavio** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. No verbo dos cesteiros de Mondariz. (Mond1).

751 **ósega** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver SOSEGA 1 /755. (LG).

752 **parafuso** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:216).

753 **postura 2** *s.f.* Cornamenta. (Cam4).

754 **pugha** *s.f.* Cornamenta. (Cur.).

755 **sosega 1** *s.f.* Cada unha das estrías ou cicatrices que ten a vaca nos cornos e que indican aproximadamente os anos que ten. (Piquín).

756 **tarugo** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. No verbo dos cesteiros de Mondariz. (Mond1).

757 **tes 2** *s.* Cornamenta. Recollémolo tal como escribe o noso informante en Ribe2, por máis que sospeitemos un erro na recollida ou na trascrición. (Ribe2).

758 **testo 1** *s.m.* Cornamenta. (Lampón, Neda).

759 **texto** *s.m.* Cornamenta. (Vcova.).

760 **tiroliro** *s.m.* Corno. Úsase nas adiviñas. (VG:20.08.1988). Gud7 lematiza o pl. *tirosliros* (Gud7).

762 **titirití** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (TCha.).

763 **turubelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:210).

764 **turulú** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (ERG, VG:23.11.1985).

765 **tus-tus-tus** *s.m. pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:204).

766 **tusturustús** *s.m. pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (ERG).

767 **viola** *s.f. Ú. m. en pl.* Corno da vaca. No barallete. (Morei.).

768 **miramontes** *s.comp.m.* Corno. Úsase nas adiviñas. (TCha.).

769 **miraproceo** *s.comp.m.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:217).

770 **mirasol** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:363).

771 **pilla pilla** *s.comp.m.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:210).

772 **reviramontes** *s.comp.m.* Cornamenta. Úsase nas adiviñas. (PM:220).

773 ***viracielos** *s.comp.m.* Corno. Úsase nas adiviñas. Posible evolución de ***miracielos* /942. (PM:210).

774 **dous dereitiños** *loc. s.* Cornos. Úsase nas adiviñas. (Vilaf.).

775 **dúas lúas na testa** *loc. s.* Cornos. Úsase nas adiviñas. (PM:358).

776 **torre alta** *loc. s. Ú. m. en pl.* Corno. Úsase nas adiviñas. (PM:363).

777 **cabano 1** *adx.* [Corno] dereito. A nosa fonte escribe *cavanos*. (Lampón).

778 **cotelo 1** *adx.* [Corno] pequeno. (Lampón).

779 **galludo** *adx. Ú. m. en pl.* [Corno] grande e curvo que co seu compañeiro forma a figura dunha lira. (ERG).

780 **pinchona** *adx. Ú. m. en pl.* [Vaca] de corno moi aguzado. (Vilaf.).

781 **ser ben/mal encornado** *loc. v.* Ter [un animal] boa ou mala encornadura. *É un boi ben encornado*. (ERG).

A besta co fuciño xeado e a vaca co corno mollado. (Carb-L2) [309]

A vaca, chover, chover, astra o corno amolecer; a besta, secar, secar, astra o beizo regañar. (EGE:58) [310]

[309] Ó gando vacún moléstalle máis o frío cá chuvia.

[310] EGE: *hastra*.

As bestas queren frío asta que lle reghaña o fuciño. As vacas queren aughoa, asta que lle amolecen os cornos. (VS) [311]
As vacas queren auga asta amolecer os cornos. (VS) [312]
Boi: chover, chover asta o corno torcer. Cabalo: xear, xear asta o beizo regañar. (VS) [313]
Chover, asta o corno amolecer. (CLam3) [314]
Chover, chover, astra o meu corno amolecer. (Carb-L:213) [315]
Chover, chover, astra meus cornos amolecer. (Mondo4:52) [316]
Di a vaca, chover, chover asta o corno amolecer. (Sob3) [317]
En abril, chuvia astra que o corno da vaca se pudra. (VS)
O boi diz: ¡Tanto chovese astra que os cornos lle amolecesen! (VLLM:1,146) [318]
¡Que tanto chovese que ate os cornos lle amollecesen. (VLLM:1,152)
Á muller con tortos poille debaixo da cama un fato con tres cornos. (VLLM:2,516) [319]
A vaca, para ser leiteira, ha de ter ubre larga, os cornos aguzados e os fuciños achatados. (UCA2:25) [320]
A vaca, pra ser leiteira, ha de ter ubre larga, os cornos afilados e o fociño achatado. (VS) [321]
A vaca, para ser leiteira, ten que ter o teto longo, corna aguzada e fuciño mocho. (VLLM:1,132) [322]
Ao boi canivés a corna lle crez. (VLLM:1,128) [323]
Boi cativeiro, todo é corna. (VLLM:1,134) [324]
Boi cativo en cornos crece. (VG:7.6.86)
Boi pequeno en corno carga. (Grou)
Boi pequeno en cornos crece. (ZM:47; VS) [325]
Boi pequeno en cornos media. (Xinzo2) [326]
Boi pequeno en hasta pon. (Antas4)
Boi pequeno, todo é corna. (ERG:boi; VLLM:1,134; UCA2:39)
Boi ruín en cornas medra. (XTC4) [327]
Boi tarolo, todo o bota en cornos. (VLLM:1,136) [328]
En boi ruín cornos crecen. (XLF2:33)

---

311 VS: *hasta, ll'amolecen*.

312 VS: *hasta*.

313 VS: *hasta*.

314 Á vaca non lle importa que chova.

315 Carb-L: *hastra*.

316 Dixo a vaca. Mondo4: *hastra.*

317 Sob3: *dí, hasta*.

318 Llópiz: *hastra, ll'amolecesen*; explica que forma parte do conto no que porfían a vaca e maila ovella: esta quería que nevase, porque coa súa protección de la nin sente o frío nin a prexudica, mentres para os bovinos é malo. Estráñanos ese pronome *lle* que parece aludir (se fala o boi) á ovella, animal que só excepcionalmente ten cornos. Consideramos que debe ser unha errata de Llópiz non só porque é máis verosímil *me amolecesen* (falando a vaca) senón porque en castelán atopamos varios paralelos que explican a cuestión. Gonzalo Correas cita o seguinte refrán: *Ahora helase, para que esta lana se me enhetrase. Ahora lloviese, hasta que la punta de este mi cuerno se me enmolleciese*. E comenta o seguinte: *Lo primero dice el ganado ovejuno, que está arropado de lana para las heladas y la agua le daña si se moja y ha menester menos hierba. Lo segundo dice el ganado vacuno, a quien las aguas no empecen como los fríos y ha menester mucha hierba*. Tamén Martínez Kleiser cita os seguintes refráns: *Lloviese, hasta que este mi cuerpo se me remolleciese* e explica *para que haya buenos pastos*; *Hielo hasta que se le pegue el rabo al carnero y agua hasta que a la vaca se le pudra el hasta; La oveja desea que hiele hasta que la hierba se suma, y la vaca, que llueva hasta que el cuerno se pudra*.

319 Llópiz: *â*, *tórtos*; explica que é superstición da comarca de Xinzo para alivia-los entortos do parto. Ignoramos se estes cornos deben ser ou non de vaca.

320 No texto: *e o fuciños* (sic).

321 VS: *fociño achatado* nun manuscrito e *fuciño achatado* no mecanoescrito.

322 Véxase máis arriba o comentario a este mesmo refrán.

323 Llópiz explica *canivés* como *acanaveirado, flaco como una paja*. Di que o recolle de Puga Torres, de Touzo (Maseda-Lugo).

324 Cita a Noriega Varela (Ribadeo 1946).

325 VS comenta que *Los mal indolados, al crecer en años, crecen también en sus torcidas inclinaciones, e noutra papeleta que Las personas de malas inclinaciones, suelen ir creciendo en vicios al par de los años*. Ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Boi manso* (ou *mau*), *em seu corno cresce* (Chaves); E.: *El buey ruín en cuerno crece* (Sbarbi); C.: *El boi chiquet tot o posa en cuernos* (Alberola).

326 O noso informante explica que, sendo máis ou menos iguais os cornos de tódolos bois, aínda que o volume corporal do boi sexa menor, o refrán quere dicir que un boi, por máis que sexa pequeno, en defensas e en forza iguala ós outros. Esta explicación quere afianza-la existencia desta variante: o noso informante asegura que o refrán en Xinzo corre coa palabra *media* e non *medra*, como cabería supoñer polos paralelos.

327 XTC4: *ruin*.

328 Llópiz explica que *boi tarolo* é un *boyaco rebajuelo*; recólleo na estación pecuaria de Vilapedre (Vilalba).

O boi ruín crece en cornos. (ERG:boi) [329]
O boi ruín en corno medra. (VS)
Ao boi cólleselle polas hastas e ao home pola palabra. (VLLM:1,129) [330]
O home, pola palabra; e o boi, pola corna. (UCA2:49; ERG:home; ZM:168; VS) [331]
O home, pola palabra; e o boi, polos cornos. (VS) [332]
Os bois, polos cornos, e os homes, polas palabras. (VS)
Ao boi morto, acañarlle/acáñalle o corno. (VLLM:1,129) [333]
Ao boi morto, agarrarlle por un corno. (VLLM:1,129) [334]
Ao boi morto, collerlle o corno. (VLLM:1,129) [335]
Ó boi morto, agárralle o corno. (ERG:boi)
Non hai boi nin vaca sin cornos. (XTC4) [336]
Non hai preito que non se arregre nin corno que non se endereite. (ERG:preito)
O boi manso na súa corna crez. (VLLM:1,146) [337]
O boi manso nos seus cornos crece. (VLLM:1,146)
Os cornos das vacas non son como os dos bois. (VLLM:1,150) [338]
Vaca cativa todo o bota en cornos. (VLLM:1,155) [339]
Vaca pequena toda é cornamenta. (VLLM:1,155) [340]
Vaca pequena todo lle é cornamenta. (VLLM:1,155) [341]

Andivécheme rogando
i agora dás ás corneiras...
¡Probe de quen bote contas
co que no peto non teña! [342]

O cura de San Mamede
vamos buscar que se mata
que ten un pelo no cúe
coma o corno dunha vaca. [343]

O señor cura de Zanfoga
ten unha pena que o mata
naceulle un pelo no cu
coma o corno dunha vaca. [344]

Teste por moi boa moza
pero ti tes unha chata:
na cabeceira da cama
tes os cornos dunha vaca. [345]

¿Cal é o corno direito da vaca? [346]

---

[329] A xente de mala caste vaise facendo máis ruín co paso dos anos.

[330] Llópiz: *pol-as*; di que o recolle de V. Risco en 1954. Este refrán xa existía en latín: *Cornu bos capitur, verbo ligatur homo.* A fórmula *cólleselle polas hastas* parece evidenciar que é unha adaptación galega dun refrán castelán.

[331] No texto: *pol-a* (UCA2); *O home pola palabra, o boi pola corna* (ZM). VS comenta que *Enseña que el hombre queda tan atado por la palabra que da, como el buey uncido por el cuerno para tirar*, e ofrece esta equivalencia: *Al buey por el cuerno* (ou *por el asta*) *y al hombre por la palabra*.

[332] No texto: *i-o boi.*

[333] Llópiz recólleo de E. Nistal en Rábade.

[334] Llópiz: *pr'un*; recólleo de A. Abelaira.

[335] Llópiz explica que ten dous sentidos figurados, un que equivale ó cast. *A burro muerto, cebada al rabo*, e outro que *representa una irreverencia o destemor hacia quien en vida fue temible enemigo*.

[336] Todo o mundo está supeditado ás circunstancias.

[337] Llópiz: *crez* (sic), *sua*; recólleo de Javier Fernández Losada, prof. vet.

[338] Llópiz recólleo en Riocaldo (Ourense).

[339] Llópiz recólleo de Mosquera Feal (*Refranes de Ferrol*) e explica que a estas vacas de moita corna e pouco desenvolvemento chámanlles *gallardas*.

[340] Llópiz: *pequeña toda e* (sic); recólleo de M. Lira (*Val do Tambre*).

[341] Llópiz: *llé* (sic); recólleo na serra de Trabada onda Mondoñedo.

[342] MLP2:01, MLP3:199. No texto: *Y agora, âs corneiras, quén, co-o que n-o peto* (MLP2); *y-agora das âs corneiras*, *c'o que n-o peto* (MLP3). Leiras explica que *dar ás corneiras* quere dicir move-la cabeza dun lado a outro, como as vacas, lamentándose.

[343] SCHU4/2/697b. No texto: *tén, com'o.*

[344] SCHU4/2/697a. No texto: *tén, naceull'un, com'o.*

[345] Lama2:132. No texto: *tés*.

[346] Ningún: os dous son tortos. PM:150.

Recollemos a continuación corenta e unha adiviñas que encriptan catro elementos significativos do corpo da vaca: cornos, patas, tetos e rabo (nalgún caso excepcional fálase das orellas ou do fociño). Ímolas agrupar todas aquí e nos apartados seguintes nos que tamén acaería recordalas, remitiremos a este lugar.

Catro andadores,
dous miradores,
dous mirasoles
e un dálle-dálle. [347]

Catro andantes,
catro mamantes
e un tapante
e dous apontantes. [348]

Catro corre-montes,
catro corre-fontes,
dous titiritís
e un dálle, dálle. [349]

Catro corremontes,
catro cichafontes,
dous duros
e un dálle, dálle. [350]

Catro corremontes,
catro cichafontes,
un dálle-dálle
e dous tus-tus-tus. [351]

Catro corremontes,
catro cichafontes,
un dálle-dálle
e dous tuturulús. [352]

Catro corremontes,
catro correfontes,
un par de fungueiros
e un dálle, dálle. [353]

Catro corremontes,
e catro cichafontes,
dous duros
e un dálle-dálle. [354]

Catro danzantes
e dous apuntantes;
catro mingoantes
e un dálle-dálle. [355]

Catro d'arriba,
catro d'abaixo,
dous picatueros
e unha tiranzaina. [356]

Catro fontes,
catro rozamontes;
dous turubelos
e un dálle-dálle. [357]

Catro fontes,
catro rozamontes;
dous viracielos
e un dálle, dálle. [358]

Catro fontes,
catro trizamontes;
un dálle, dálle
e un pilla, pilla. [359]

Catro fontes,
e catro rodamontes;
dous tumbelos
e un dálle-dálle. [360]

[347] A vaca. TCha:99, PM:363.195, Gud5:30. No texto: *dalle-dalle* (PM).
[348] A vaca. APG:105.
[349] A vaca. TCha:99. No texto: *dalle-dalle*.
[350] A vaca. PM:204.105. No texto: *dalle-dalle*.
[351] A vaca. PM:204, APG:104. No texto: *dalle dalle*, *tús tús tús* (APG).
[352] A vaca. Carb:119, APG:104. No texto: *dalle-dalle*.
[353] A vaca. PM:210.110. No texto: *dalle-dalle*.
[354] A vaca. APG:104. No texto: *dalle dalle*.
[355] A vaca. PM:209, APG:105. No texto: *dalle-dalle*.
[356] A vaca. APG:105.
[357] A vaca. PM:210. No texto: *dalle-dalle*.
[358] A vaca. PM:210.110. No texto: *dalle-dalle*.
[359] A vaca. PM:210.110. No texto: *dalle-dalle*.
[360] A vaca. APG:105. No texto: *dalle-dalle*.

Catro mungantes
e dous apuntantes;
catro danzantes
e un tornamoscas. [361]

Catro na cama,
catro na lama,
dous fouciños
e un que lle abana. [362]

Catro na cama,
catro na lama,
dous mira-montes,
un dálle-dálle
e un seca-fontes. [363]

Catro na cama,
catro na lama,
dous parafusos
e un que lle abana. [364]

Catro na cama,
catro na lama,
dous que lle aguzan
e un que lle abana. [365]

Catro palitroques,
catro mexafontes,
un tirangueiro
e dous miraproceo. [366]

Catro pernas,
catro fontes,
un dálle-dálle
e dous reviramontes. [367]

Catro rodamontes,
catro cichafontes,
dous tiroliros
e un dálle dálle. [368]

Catro rodamontes,
catro cichafontes,
dous turuluros
e un dálle dálle. [369]

Catro rodamontes,
catro cichafontes,
un dálle-dálle
e dous tirosliros. [370]

Catro roldamontes,
catro correfontes,
dous tusturustús
e un dálle-dálle. [371]

Catro roldamontes,
catro deitafontes,
dous tusturustús
e un dálle-dálle. [372]

Catro saltamontes,
catro correfontes,
dous turulús
e un dálle-dálle. [373]

Catro saltamontes,
catro correfontes,
dous tuturutús
e un dálle-dálle. [374]

Catro trepes-trepes,
catro serruchetes,
un varre camiños
e un que lle abana. [375]

Dous miracielos,
dous matadores,
un espantamoscas
e catro andadores. [376]

---

[361] A vaca. PM:215, APG:106.
[362] A vaca. PM:216.112.
[363] A vaca. TCha:103. No texto: *dalle-dalle*.
[364] A vaca. PM:216, APG:106. No texto: *asana* (APG).
[365] A vaca. PM:216.112; Castre.
[366] A vaca. PM:217.
[367] A vaca. PM:220; Castre. No texto: *dalle-dalle*.
[368] A vaca. Gud5:30.
[369] A vaca. Gud5:30.
[370] A vaca. APG:104, VG:20.08.1988, VG:3.09.1988, Gud9:37. No texto: *dalle-dalle* (APG, VG); *dalledalle* (Gud9).
[371] ERG:correfontes. No texto: *dalle-dalle*.
[372] Noriega Varela: *Nós* 1, 1920, 17. No texto: *rolda-montes, deita-fontes, dalle-dalle*.
[373] A vaca. ERG:adiviñanza; VG:23.11.1985. No texto: *dalle-dalle*.
[374] A vaca. APG:104. No texto: *dalle-dalle*.
[375] A vaca. PM:224. No texto: *barre camiños*.
[376] A vaca. PM:363.195.

Dúas lúas na testa
e remoe, remoe na herba. [377]

Dúas torres altas,
dous miradores,
un espantamoscas
e catro andadores. [378]

Dúas torres altas,
dous miradores,
un quitamoscas
e catro andadores. [379]

Oito baten na calzada,
catro miran cara o ceo;
un goberna a trallada
e outro canta o sirineo. [380]

Oito baten na calzada,
catro miran para o ceo;
un goberna a traellada
e outro canta o sirineo. [381]

Oito baten na calzada,
catro ollan para o ceo;
un goberna a cangallada
outro toca o chirineo. [382]

Oito pisan o camiño
catro miran pró ceo,
un canta a villorada
e outro dirixe o trineo,
¿qué é? [383]

Oito van polo camiño;
catro miran para o monte;
un goberna a faena
e outro canta o sirén. [384]

¿Que é unha cousiña cousa
que ten catro pasamontes,
catro cichafontes,
un dálle, dálle
e dous corrolís? [385]

¿Que será unha cousiña cousa,
catro rodamontes,
catro manafontes,
dous dereitiños
e un dálle-dálle. [386]

¿Quen son eses aguzados
que andan tan aparellados? [387]

Ten dúas torres mui altas,
dous mirantes,
catro andantes
e un enxota-moscas. [388]

O corno, símbolo de fracaso [389]

Era un probe que ía á mañá [390] cedo pra feira [391] do 12 e, ó pasar pola Casa da Moura, saíulle [392] un mouro e perguntoulle:

-¿E logo, pra onde vai?
-Voulle pra a feira mercar uns porquiños.
-¿E ten moito diñeiro pros mercar?
-Ai, siñor, eu diñeiro téñolle [393] *pouquiño.*

---

[377] A vaca. PM:358.
[378] A vaca. PM:363, APG:105, VG:14.05.1988, Castre.
[379] A vaca. Gud5:30.
[380] Os bois, o labrego e o carro. APG:90.
[381] Os pés das vacas, os cornos, o labrego e mailo carro. PM:693.
[382] Os bois, o labrego e o carro. APG:90.
[383] As vacas, o carro e o home. Gud5:30.
[384] Os pés das vacas, os cornos, o labrego e mailo carro. PM:693.385.
[385] A vaca. PM:210:110.
[386] Vilaf. No texto: *dalle-dalle*.
[387] Os cornos da vaca. PM:831, ANV5, Gud5:26. No texto: *aparexados* (ANV5, Gud5).
[388] O boi. APG:89.
[389] Randín2:48.
[390] No texto: *a mañá.*
[391] No texto: *freira* [sic].
[392] No texto: *freira do 12 e o pasar pol-a Casa da Moura saíu-lle*.
[393] No texto: *téñole* [sic].

-Boeno, pois vas á feira [394] e mercas dous porcos dos mellores que haxa, i esperádesme[395] alí, ti e mais os que chos venden. E despois vou eu e págollos.

E pasou todo asegún dixera, e o mouro quedouse cun [396] porco e o home con outro.

I entón o mouro díxolle ó home [397]:

-Mira, tódalas [398] mañás cedo trasme aquí meio neto de leite. Ti non chames por ninguien. Déixamo niste [399] sitio sinalado que xa terás nil [400] un peso tódolos días [401]. E asín [402] sigues sempre. E ten tino de non decir nada a ninguien, que istas cousas non se poden decir.

E por moito tempo o home levou o leite e colleu os cartos.

Mais a súa [403] muller sempre lle andaba dicindo:

-¿De onde [404] che veñen os cartos? Porque denantes non tiñamos case que ningús e agora temos moitos. Ti tes que ter unha amiga que chos dá [405].

E o home contestáballe:

-Non, muller, non. Ti cume e bebe e a min déixame, que eu non teño amiga ningunha.

I ela [406] volvía a porfiar:

-Pois ti tesmo que decir, que de algún lado che veñen.

E tanto porfiou e tanto fixo, que rematou [407] por llo decir.

Veu pro outro día á mañá [408] , e o home foi co leite, mais, ó chegar ó sitio [409] sinalado, en vez dos cartos atopou un corno cun letreiro que decía:

Falaches

Corneaches.

2.3.10.2. A medula do corno

782 **abuxe** *s.m.* Parte interior do corno. (Porto).
783 **ámago** *s.m.* Parte interior do corno. (Mon.).
784 **besugho** *s.m.* Ver BESUGO /785. (Ribe1).
785 **besugo** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Ben., Mondo2, Pade.).
786 **cañuto** *s.m.* Parte interior do corno. (Val-LE).
787 **cebullo** *s.m.* Parte interior do corno. (Gud., Mra.).
788 **cibullo** *s.m.* Ver CEBULLO /787. (Cal.).
789 **claño** *s.m.* Parte interior do corno. (Noal).
790 **chabugho** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Caa.).
791 **chabugo** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Caa.).
792 **ghogho** *s.m.* Ver GOGO /794. A nosa fonte escribe *jojo*. (Dum.).
793 **ghugho** *s.m.* Ver GOGO /794. A nosa fonte escribe *jujo*. (Noalla, Valad1).
794 **gogo** *s.m.* Parte interior do corno. (Dum.).
795 **maaolo** *s.m.* Ver MAGOLO /797. (Rendal).
796 **magholo** *s.m.* Ver MAGOLO /797. (Arzúa2, Cabal., Ces., Corre., Crendes, Cur1, Medín, San., Sende., Sofán).
797 **magolo** *s.m.* Parte interior do corno. (Boi., Com1, Feás-A, Sob.).
798 **mamilo** *s.m.* Parte interior do corno. (Bas.).
799 **maquilo** *s.m.* Parte interior do corno. (Couce.).
800 **médula** *s.f.* Parte interior do corno. (Casal.).
801 **megholo 1** *s.m.* Ver MAGOLO /797. (Cast., Cer., Cur., Dúas, Eixo, Figue1, Figue2, Lestón, Oroso2, Poulo, Ribe1, Vviño).
802 **mehalo** *s.m.* Parte interior do corno. Ignoramos se esta grafía da nosa fonte representa unha gheada ou outra cousa. (Baña2).
803 **meolo** *s.m.* Ver MIOLO 1 /807. (Leir-A, SComba).
804 **miaghón** *s.m.* Parte interior do corno. (Negr2).

[394] No texto: *a feira*.
[395] No texto: *i-esperádesme*.
[396] No texto: *c-un*, como no resto do texto: *c-un letreiro*.
[397] No texto: *I-enton, o home*.
[398] No texto: *todal-as*, como no resto: *todol-os*.
[399] No texto: *n-iste*.
[400] No texto: *n-il*.
[401] No texto: *dias*.
[402] No texto: *asin*.
[403] No texto: *sua*.
[404] No texto: *Dónde*.
[405] No texto: *da*.
[406] No texto: *I-ela*.
[407] No texto: *que por rematou*.
[408] No texto: *dia a mañá.*
[409] No texto: *ô chegar ô sitio.*

805 **mielo** *s.m.* Ver MIOLO 1 /807. (Baíñas).
806 **miola 2** *s.f.* Ver MIOLO 1 /807. (Carr-G).
807 **miolo 1** *s.m.* Parte interior do corno. (Aranga, Codeso., Macei., Negr2, Oroso1, Oza, Pedro, Pravio, Samos3, TapiaC).
808 **moghelo 1** *s.m.* Ver MAGOLO /797. (Abe., Cam4, Lañas, Lendo, Razo, Suevos).
809 **mogholo 1** *s.m.* Ver MAGOLO /797. (Ces., Culle., Noice.).
810 **moghón** *s.m.* Parte interior do corno. (Lañas).
811 **mughelo** *s.m.* Ver MAGOLO /797. (Morai.).
812 **sabrugo** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Bar-Co).
813 **sabruxo** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Valad1).
814 **sabuco** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. Hermi. define dicindo que é a "médula dos cornos dos animais". (Buga-A, Hermi., Mez., Ped1, Sisto, Vill-O).
815 **sabugho 1** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. A nosa fonte escribe *sabujo*. (Alla2, Arca, Cadrón, Cerd2, Corb., Cruído, Estr3, Estr4, Fol-C, Fózara, Fuxás, Gaxate, Lamas, MCouso, Mour1, Negra., Nove2, Pre., Randu., Rib-E, Ribó, Sabu3, Salv3, Somo1, Tabor., Verdu., Viso1, Xeve. ILG(C:12)).
816 **sabugo 1** *s.m.* Parte interior do corno. Ibias1: "Sustancia blanca o médula del cuerno de la vaca". (Burón, Cab., Callo., Camba, Ced., Com1, Com4, Covas, CP, Dozón, ERG, Fol-LE, Frei., Ibias1, Incio, Lava., Mez., Nove., PCal2, Ram., Rib-E, Rus, Suarna, Tab1, Vcova., Vedra, Vil., Vilar, Xun. ILG(LU:22)).
817 **ságamo** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Mosen.).
818 **sághamo** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Borre., CTui, Cang3, Guil2, Neves2, Rama., Sisán).
819 **samaco** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Ribad.).
820 **sámagho** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Calo, Carde., Lagar., Lucí, Peroxa, Santi., Sende., Teo).
821 **samagho 1** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. A nosa fonte en San. defíneo como "parte branda do corno". (Couso, San.).
822 **samago 1** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Bidu., Negr2, Rus).
823 **sámago 1** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Com1, Consta., CReis2, Gun., Mel1, Negral, Saiar, Troan1).
824 **samo 1** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Burgo, Com1, CP, Damil, Gui., Mira., Parga, Rábade).
825 **samuco** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Com1, Vala.).
826 **samugho** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Agro.).
827 **samugo** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Com1).
828 **sasmo 1** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Borre.).
829 **sauco** *s.m.* Parte interior do corno. A nosa fonte non especifica que vogal leva o acento. Supoñemos que no *u*. (Fre.).
830 **saúgo** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Burela1).
831 **sebugho** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Vnova2).
832 **sobuso** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Arzón).
833 **xabugho** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Noalla).
834 **xabugo 1** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Noalla).
835 **xabulo** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Vala1).
836 **xámagho** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Vxoán.).
837 **xámago** *s.m.* Ver SABUGO 1 /816. (Carr-C, Cunt2).
838 **miolo do corno** *s.comp.m.* Ver MIOLO 1 /807. (Vi-Val.).
839 **moguelo do corno** *s.comp.m.* Ver MIOLO 1 /807. (Razo).
840 **mola do corno** *s.comp.f.* Ver MIOLO 1 /807. (Meira2).
841 **moleira do corno** *s.comp.f.* Ver MIOLO 1 /807. (Buga-N).
842 **molo do corno** *s.comp.m.* Ver MIOLO 1 /807. (Meir.).
843 **corno mainiño** *loc. s.* Parte interior do corno. A nosa fonte escribe *corno nainiño*. (Gui.).
844 **miolo de dentro** *loc. s.* Ver MIOLO 1 /807. (Bas.).

2.3.10.3. O soporte óseo do corno

Referímonos agora á base ósea do corno. É unha prominencia dobre do óso frontal que alberga no seu interior unha cavidade, prolongación dos seos frontais, que chegan case á punta destes soportes óseos.

A presenza desta base ósea é característica da familia *Bovidae*, con cornamenta permanente, a diferenza dos outros ruminantes pertencentes a outras familias nas que os cornos son exclusivamente formacións cutáneas e, polo tanto, caedizas, perdéndoos na muda anual de forma natural e reconstruíndo tódolos anos unha nova cornamenta.

845 **sabugo 2** *s.m.* Soporte óseo do corno. (Anca).

2.3.10.4. Denominacións do gando segundo a disposición dos cornos

2.3.10.4.1. Vacas cos cornos cara adiante [410]

Considerámo-las direccións e tamaños básicos que poden presentar normalmente os cornos: adiante, arriba, abaixo, grandes e pequenos. Este criterio, que escollemos por didáctico e simplificador, non é certamente real xa que os cornos non adoitan adoptar unha disposición tan simple e, ademais, a descrición que cada quen pode facer dunha mesma cornamenta é variable. Así, mentres un pode describi-la cornamenta

[410] Dada a indefinición da norma lingüística na combinación da locución prepositiva *cara a* cos adverbios *(a)diante, atrás, arriba, (em)baixo,* optamos polas formas *cara adiante, cara atrás, cara arriba, cara abaixo, cara a dentro* e así aparecerán, salvo erro ou descoido noso.

dunha vaca como cos cornos dirixidos *cara arriba*, outro pode explicalo *cara atrás* se se dá o caso de que a vaca teña os cornos dirixidos primeiro cara arriba e coas puntas cara atrás. Deste xeito son posibles moitas combinacións que por veces nos fan pensar se o que consideramos como dúas voces distintas son en realidade a mesma cousa.

Pero como tiñamos que ter un criterio e o que definimos nos parecía o máis coherente, decidimos mantelo, aínda que sexa necesaria esta observación.

846 **cornos serrados** *s. com. pl.* Cornos cara adiante e dobrados un contra o outro. É un caso de seseo por *cerrados*. (Ortoño).
847 **picañas malinas** *loc. s. pl.* Cornos revirados cara adiante. (Callo.).
848 **achabada** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara adiante. (Ram.).
849 **broca 2** *adx.* [Vaca] que ten os cornos revirados cara adiante. (Abadín, Agro., Anca, Baíñas, Caa., Carb3, Cervá1, Cervá2, Com1, Crendes, ERG, Fuxás, Lago, Lendo, Lestón, Lucí, Macei., Mondo1, Nive., Noice., Oroso2, Ribad., Rus, Sofán, Tab1, Teo, Verdía, Zolle).
850 **brocuda 2** *adx.* Ver BROCA 2 /849. (Cur.).
851 **bronca 2** *adx.* Ver BROCA 2 /849. (Piñor).
852 **cabana 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante e revirichados. Piñe. escribe *cavana*. Pintos engade que os cornos toman forma de tenaces. (Común).
853 **cachorra 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Arca).
854 **calva 3** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca cos cornos cara adiante". (Cer.).
855 **carrucha** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Neves2, Val-LE).
856 **cascuda 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Grixoa).
857 **cerrada 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Consta., Fol-LE).
858 **corcheta** *adx.* [Vaca] cos cornos tortos cara adiante. (Figue1, San., Santi.).
859 **cornecha 3** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Eixo.).
860 **cornella 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Abe.).
861 **cornisa** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Negr2).
862 **cornixa** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Lous.).
863 **cornuda 3** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Lava.).
864 **corucha** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Figue2).
865 **cota 4** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Piñei2).
866 **chabuca 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Negra.).
867 **chata 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Rama.).
868 **gacha 3** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Vill-O).
869 **gadaña 1** *adx.* [Vaca] cos cornos curvados cara adiante. (Dis., Ped1, Porto, Veste.).
870 **gallada 3** *adx.* [Vaca] que ten os cornos pequenos e curvados cara adiante. (Ram.).
871 **gancha 2** *adx.* [Vaca] cos cornos curvos cara adiante. (PSeca, Ribó, Xun.).
872 **ganchela** *adx.* Ver GANCHA 2 /871. (Incio, Laiosa, Vixoán.).
873 **ganchena** *adx.* Ver GANCHA 2 /871. (Parga).
874 **ganchola 2** *adx.* Ver GANCHA 2 /871. (Ram.).
875 **garoucha 1** *adx.* Ver GARRUCHA 1 /879. (PSil, Vala.).
876 **garrocha** *adx.* Ver GARRUCHA 1 /879. (Sabu2).
877 **garroucha** *adx.* Ver GARRUCHA 1 /879. (Cubi2).
878 **garrouta** *adx.* Ver GARRUCHA 1 /879. (Carr-G).
879 **garrucha 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Amandi, Arroxo, Baña2, Barre., Ben., Boi., Cabal., CarbCo., Carño2, Ced., Cere., Ces., Codeso., Dúas, Fre., Laxosa, Meira2, Mira., Nove2, Oirán, Pade., Penela, Peno., Rib-E, Rib-S, Samos3, Sisto, Troán1, Vala1, Xudán1).
880 **gateña** *adx.* [Vaca] cos cornos curvos cara adiante. (Com1, Gui., LG).
881 **ghalluda 3** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. A nosa fonte escribe *jalluda*. (Dum., Sofán).
882 **ghancha 2** *adx.* Ver GANCHA 2 /871. A nosa fonte escribe *jancha*. (Alla2).
883 **ghanchena** *adx.* Ver GANCHENA /873. A nosa fonte escribe *janchena*. (Cur1).
884 **gharrida** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. A nosa fonte escribe *jarrida*. (Neda).
885 **gharrucha** *adx.* Ver GARRUCHA 1 /879. A nosa fonte escribe *jarrucha*. (Cam4, Cang3, Enxames, Estr3, Estr4, Fol-C, Fózara, Gaxate, Lañas, Leir-A, Medín, Morai., Oliv., Oroso1, Pedro., Ribe1, Somo2, Verdu., Vmaior, Zamáns).
886 **ghateña** *adx.* Ver GATEÑA /880. A nosa fonte escribe *jateña*. (Gui.).
887 **ghicha 3** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. A nosa fonte escribe *jicha*. (Bas.).
888 **ghichuda** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. A nosa fonte escribe *jichuda*. (SComba).
889 **ghurricha** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. A nosa fonte escribe *jurricha*. (Poulo, Vviño.).
890 **guincha** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Vrei.).
891 **morocha** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Ben.).
892 **peleona** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Covas).

893 **perica 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Lampón).
894 **picaña 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Dozón, Lagar., Mour1, Xeve).
895 **pichona** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Antas3, Laraxe).
896 **pinchona 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Damil, Mon.).
897 **toura 12** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. (Arme., Pravio).
898 **xancha** *adx.* Ver GANCHA 2 /871. (Ribó).
899 **cerrada de cornos** *loc. adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante e revirados un contra o outro. (Baltar).
900 **serrada de cornos** *loc. adx.* Ver CERRADA DE CORNOS /899. (Buga-N). 901 **zarrada de cornos** *loc. adx.* Ver CERRADA DE CORNOS /899. (VFrore.).

2.3.10.4.2. Vacas cos cornos cara atrás

902 **corno de cabra** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Corno dirixidos cara atrás. (Callo., Fara., Peroxa, PSil, Sabu2, Sabu3, Saiar).
903 **corno de cabuxa** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Corno dirixido cara atrás. (Lampón).
904 **corno de *ciervo** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Corno revirado lixeiramente cara atrás coma os dos cervos. Pode sorprender esta denominación nunha terra na que xa non quedan cervos. Pero non nos debe esquencer que a toponimia galega testemuña a súa existencia (*Pena da Cerva*, *Cervantes*, *Cerveira*, *Cerveiro*, *Cervo*) igual que a antroponimia *Cerviño*. E tampouco debe esquencer que o cervo é figura habitual nos prehistóricos petróglifos galegos, coma tal na Laia dos Cervos, na Caeira (Poio) con 42 representacións deste animal. (Caban.).
905 **corno ó revés** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Corno dirixido cara atrás. (Baltar).
906 **corno pra atrais** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Corno dirixido cara atrás. (VFrore.).
907 **acarneirada** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Vill-O).
908 **broca 4** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. Véxase o poema *Bois burdiós* de Uxío Novoneyra no capítulo 16.1. (Cou4,Culle.).
909 **cabano 2** *adx.* [Boi] cos cornos cara atrás. (Valad2, Vnova2).
910 **caboa** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. ¿Será erro por *vaca cabra*? (Vxoán.).
911 **cabra 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Oroso2, Vcova.).
912 **cabreiresa** *adx.* Ver CABRA 1 /911. (Val-LE).
913 **cabrenta** *adx.* Ver CABRA 1 /911. (Oirán).
914 **cachela 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Piñei2).
915 **cachorra 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Eixo).
916 **calva 1** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara atrás. (Cab., Com1, Dum., Feás-A, Gui., Laxe, Mel1, Nove., Razo, San., Sou1. ILG:69 (C:41, LU:8, OU:4, PO:16)).
917 **calvela 1** *adx.* Ver CALVA 1 /916. LG aplícao ó boi. (Abadín, Antas3, Ben., Cam4, Carbal., Chan., Consta., LG, Mon., Piquín, Piñe., Piñor, Rábade, Vala1).
918 **calvella** *adx.* Ver CALVA 1 /916. (Ribe2).
919 **capela** *adx.* [Vaca] cos cornos revirados para atrás. (Fre., Vala.).
920 **carballiña 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Fuxás).
921 **careta 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Veste.).
922 **carneira** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Cervá1, Cervá2).
923 **carvela** *adx.* Ver CALVA 1 /916. A nosa fonte escribe *carbela*. (Tab1).
924 **cofela** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Xeve).
925 **cornuda 4** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Dum.).
926 **chabuca 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Caa., Cab.).
927 **descuberta** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Vixoán.).
928 **encabrada** *adx.* Ver CABRA 1 /911. (Xudán1).
929 **garrucha 3** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Mondo1).
930 **ghachas** *adx.* A nosa fonte escribe *jachas* e defíneo como vaca cos cornos cara atrás. Non podemos asegurar que sexa adxectivo. (Guil2).
931 **mirandesa 2** *adx.* [Vaca] cos cornos revirados cara atrás. (Lamas, Porto, Vil.).
932 **mona 4** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Sisán).
933 **palanca 3** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Negral).
934 **patela 1** *adx.* [Vaca] cos cornos longos e abertos cara atrás. (Incio, Ped1, Vala.).
935 **piñeira 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Santi., Vrei.).
936 **preira** *adx. Ú. t. c. s.* [Vaca] cos cornos cara arriba e cara atrás. Supoñemos que se trata de síncopa por *pereira*. (Bar-Co.).
937 **rapada** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (Lucí).
938 **revirado** *adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara atrás. A nosa fonte escribe *rebirados* (Burela1). (Burela1, Estr3).
939 **topona 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara atrás. (PSeca).

2.3.10.4.3. Vacas cos cornos cara arriba

940 **cabra 2** *s.f.* Vaca cos cornos cara arriba. (Cadrón, Suevos).
941 **escornacabras** *s.f.* Vaca cos cornos cara arriba. (Veste.).
942 ***miracielos 1** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Corno dirixido cara arriba. (Sisto).
943 **alto** *adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara arriba. (Vrei.).
944 **cabana 4** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. A nosa fonte escribe *cabanas* (Cunt2) ou *cavana* (MCouso). (Cunt2, MCouso, Viso2).
945 **cabritada** *adx.* Ver CABRA 2 /940. (Vill-O).
946 **cabuxa** *adx.* Ver CABRA 2 /940. (Sisán).
947 **calva 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. Lagar. recolle o diminutivo *calviña*. (Anca, Culle., Lagar.).
948 **calvela 2** *adx.* Ver CALVA 2 /947. (Ben.).
949 **carballiña 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. A nosa fonte escribe *carbayiña*. Hai unha serie de adxectivos referentes a árbores que se utilizan para denomina-la cornamenta das vacas: *carballiña*, *preira*, *piñeira*. Tamén se usa *figueira* pero para aludir non ós cornos senón ás espullas que lles saen a algunhas vacas. (Arca).
950 **cornecha 4** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Lucí).
951 **cornella 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Noal).
952 **corneteira** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Negr2).
953 **cornuda 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Covas, Nive.).
954 **chira** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Medín).
955 **dreito** *adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara arriba. (Meira2).
956 **gaiteira 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Carño2, Valad2).
957 **gallarda 2** *adx.* [Vaca] do país con cornos grandes e cara arriba. ERG dáo como substantivo. Llópiz comenta o refrán *Vaca cativa todo o bota en cornos* explicando que a estas vacas de moita corna e pouco corpo lles chaman *gallardas*. (Común).
958 **gallardeira 2** *adx.* Ver GALLARDA 2 /957. (Com1).
959 **galleira 2** *adx.* Ver GALLARDA 2 /957. (Antas3, Barre., Chan., Com1, Consta., ERG, Gui., Laiosa, Lava., Macei., Mel1, Mra., Parga, Penela, PSeca, Vixoán.).
960 **galleteira** *adx.* Ver GALLARDA 2 /957. (Boi.).
961 **galluda 1** *adx.* Ver GALLARDA 2 /957. (Dum., ERG, Fre., Gro1, Laxe, Meir., Mondo2, Razo, Vala., Vala1, XMSH).
962 **gandeira** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Laxe).
963 **garoucha 2** *adx.* Ver GARRUCHA 2 /967. (Oirán, PSil, Vala.).
964 **garouta 1** *adx.* Ver GARRUCHA 2 /967. Aplícase, tamén como adxectivo, ós cornos: *Tén os cornos garoutos*. (Alence, Arroxo, Baña2, Barcia, Burón, Carr-G, Ces., Crendes, Mon., Peroxa, Pravio, Rib-E, Rib-S, Suarna, Troán1, Valen., Vedra).
965 **garouto 3** *adx.* Ver GARRUCHO /968. *Ten os cornos garoutos*. (Piquín).
966 **garrota** *adx.* Ver GARRUCHA 2 /967. (Mira.).
967 **garrucha 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. *En San Ciprián de Hermisende (ZA) chámanlles 'garruchos' ós veciños de Castromil e, para explicalo, contan que en certa ocasión esmoucouse unha novela, quedándolle un corno colgando. Entón xuntáronse uns cantos para lle poñeren dereito o corno á vaca e, cando estaban rematando de compoñerlle o corno, o dono da novela, que os estaba mirando con atención, díxolles: -'¡Ei, deixaino! ¡Non mo poñais máis garrucho!'. E quedoulles o alcume de 'Garruchos' a tódolos de Castromil*. (Abadín, Hermi., Pedro., Val-LE).
968 **garrucho** *adx.* [Corno] curvo cara adiante ou cara arriba, coma tal, os cornos dunha vaca ou o fociño dun porco ou os ganchos. (Burón, Cab., Ced., Com1, Gro1, Suarna, Ver1, Vil.).
969 **garuxa** *adx.* Ver GARRUCHA 2 /967. (Xudán1).
970 **gavecha** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Cere.).
971 **ghallarda 2** *adx.* Ver GALLARDA 2 /957. A nosa fonte escribe *jallarda*. (Aranga, Caa., Cang2, Cang3, Carr-C, Casal., Cer., Couso, Crendes, Dúas, Eixo, Figue1, Grixoa, Morga., Neves2, Poulo, Pre., Ribe1, Teo, Vviño.).
972 **ghallardeira** *adx.* Ver GALLARDEIRA 2 /958. A nosa fonte escribe *jallardeira*. (Gui.).
973 **ghalleira 1** *adx.* Ver GALLEIRA 2 /959. A nosa fonte escribe *jalleira*. (Enxames, Gui., Lamas).
974 **ghalleirada** *adx.* Ver GALLEIRA 2 /959. A nosa fonte escribe *jalleirada*. (Ribad.).
975 **ghalleteira** *adx.* Ver GALLETEIRA /960. A nosa fonte escribe *jalleteira*. (Codeso., Cur1).
976 **ghalluda 1** *adx.* Ver GALLUDA 1 /961. A nosa fonte escribe *jalluda*. (Baíñas, Cam4, Carb3, Corb., Lestón, Neda, Negra., Noice., Razo, Sofán, Vmaior, Vnova2, Zamáns).
977 **gharoucha** *adx.* Ver GAROUCHA 2 /963. A nosa fonte escribe *jaroucha*. (Estr4).
978 **gharouta** *adx.* Ver GAROUTA 1 /964. A nosa fonte escribe *jarouta*. (Lañas).
979 **gharrouta** *adx.* Ver GAROUTA 1 /964. A nosa fonte escribe *jarrouta*. (Cervá1, Oliv.).
980 **gharuta** *adx.* Ver GAROUTA 1 /964. A nosa fonte escribe *jaruta*. (Estr3).
981 **ghicha 1** *adx.* Ver GUICHA /983. A nosa fonte escribe *gicha* en Arme., Gaxate e Verdu.; e *jicha* nas

outras localizacións desta voz. (Arme., Bas., Gaxate, Medín, Negr2, TapiaC, Verdu.).

982 **guecho** *adx.* Ver GUICHO /984. Dise tamén das orellas tesas ou dun sombreiro de ala recollida. (Barcia).

983 **guicha** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Cal., LG).

984 **guicho** *adx.* [Corno] puntiagudo cara arriba: dise especialmente das orellas e dos cornos. (Grixó, Salc.).

985 **mala** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. ¿Será por ser máis perigosa cás outras con eses cornos? (Covas).

986 **pantalleira** *adx.* [Vaca] que ten unha boa galladura (cornos grandes e cara ó alto, gallarda). Antes estimábanse moito, agora non. Nalgúns lugares de Pontevedra, Mos entre eles, tamén se lle chama *pantalleiras* ás mozas que teñen un busto chamativo, *unha boa dianteira*. Quen nolo dixo, engadía que nos anos trinta non tiñan por mozas guapas ás que eran feitas de cara, senón ás que *armaban moito*, ás que *tiñan unha boa dianteira*. (Ctel1, Gro1).

987 **perica 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Com4, Saiar, Vnova2).

988 **picola** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Ped1).

989 **pichola** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Busta., Piñor).

990 **pinela** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Mez.).

991 **piñeira 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Carbal., Mel1, Piñe., Rendal, Sende., Tab1, Taboa., Vil.).

992 **piquela 2** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Incio).

993 **pirica** *adx.* Ver PERICA 1 /987. (Ribe1).

994 **preira** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba e cara atrás. Supoñemos que se trata de síncopa de *pereira*. (Bar-Co).

995 **retorneado** *adx.* [Corno] revirado cara arriba. (Com1).

996 **revirada 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Razo).

997 **revirado** *adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara arriba. (Burela1).

998 **romelgada 1** *adx.* [Vaca] cos cornos dirixidos cara arriba. (Ancares2).

999 **xaiteira** *adx.* Ver GAITEIRA 1 /956. (Verdía).

1000 **xalleira** *adx.* Ver GALLEIRA 2 /959. (Santi.).

1001 **xañeira** *adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Rendal).

1002 **ben feito 1** *loc. adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara arriba. (Alla2).

1003 **cornuda pra riba** *loc. adx.* [Vaca] cos cornos cara arriba. (Couce.).

1004 **en punta** *loc. adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara arriba. (Fol-LE).

1005 **mirando ó ceo** *loc. adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara arriba. (Cur.).

1006 **mirando pra o ceo** *loc. adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara arriba. (Baltar).

1007 **para riba** *loc. adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara arriba. (Buga-N).

1008 **pra enriba** *loc. adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara arriba. (VFrore.).

1009 **ghallear p'arriba** *loc. v.* Medra-los cornos cara arriba. A nosa fonte escribe *jallea pa riba*. (Morai.).

2.3.10.4.4. Vacas cos cornos cara abaixo

Na Idade Media falábase de *cornos merxudos* (escrito *merjudos*), cando se inclinaban cara abaixo; pero nin esta denominación permanece viva nin se refería tanto a cornos estruturalmente revirados cara abaixo, canto ó feito de abaixa-la cabeza (e, polo tanto, os cornos) para embestir; así que trataremos isto cando falemos da embestida (cap. 3.2.12).

1010 **reviraghancho** *s.m. Ú. m. en pl.* Corno cara abaixo. A nosa fonte escribe *revirajanchos*. (Buga-A).

1011 **corno de escaravello** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Corno dirixido cara abaixo. A nosa fonte escribe *cornos d'escarabello*. (PCal2).

1012 **abrocada** *adx.* Ver BROCA 1 /1016. (Gud5).

1013 **baixo 2** *adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara abaixo. (Lous.).

1014 **barroquella** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. (Lañas).

1015 **bloca** *adx.* Ver BROCA 1 /1016. (Fózara, Vill-O).

1016 **broca 1** *adx.* [Vaca] cos cornos brocos, cara abaixo, que tenden a xunta-las puntas. O noso informante en Ibias1 aplícao ó boi que ten os cornos caídos e coas puntas cara dentro. (Ctel1, Dozón, Gro1, Gud., Gud5, Gud7, Ibias1, Nove., Parga, Raiaseca, Salv3, San., Vala. ILG:118 (C:57, LU:33, OU:3, PO:25)).

1017 **brocada** *adx.* Ver BROCA 1 /1016. (Corb., Vnova2).

1018 **broco** *adx.* [Corno] curvado cara abaixo. O noso informante de Caritel engade que estes cornos reviran algo cara arriba nas puntas, mentres que os informantes de Salv3 e Parade. din que tenden a unirse polas puntas. (Burón, Caa., Cab., Ced., Com1, Ctel1, Feás-A, Gro1, Gui., Gun., Laxe, Mel1, Nove., Parade., Razo, Sabu2, Salv3, San., SComba, Vala.).

1019 **brocuda 1** *adx.* Ver BROCA 1 /1016. (Cur.).

1020 **brocho** *adx.* Ver BROCO /1018. (Com1).

1021 **bronca 1** *adx.* Ver BROCA 1 /1016. (Ces.).

1022 **brouca** *adx.* Ver BROCA 1 /1016. (Negr2, Piñor).

1023 **bruco** *adx.* Ver BROCO /1018. (Com1).
1024 **cabana 3** *adx.* [Vaca] que ten os cornos caídos e inclinados cara abaixo. (Bar-Co., Cang3, CarbCo., Carño2, Casal., ERG, Gaxate, Guil2, Mez., Mosen., Nove2, Pal., Ribe2, Sabu3, Tab1, Verdu.).
1025 **caldeiro** *adx.* [Touro] cos cornos abaixados. (LG).
1026 **catoa** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. (Negr2).
1027 **cornella 3** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. (Macei.).
1028 **cornigacha** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. Notable composto. (Culle.).
1029 **gacha 1** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. (Ancares2, Mra1, Piñei2, PSil, Vill-O, Vrei.).
1030 **gachuela** *adx.* Ver GACHA 1 /1029. (Fol-LE).
1031 **gadaña 2** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. (Veste.).
1032 **galluda 4** *adx.* A nosa fonte defíneo como "vaca que ten os cornos cara abaixo". (Oirán).
1033 **gancha 1** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. ¿Referirase a eses cornos en forma de gancho ou argola que se volven contra a testa e que hai que serrar periodicamente para que non fagan presión e lesionen esa parte da cabeza? (Camba, Mra1, PSeca, Val-LE, VFrore.).
1034 **ganchola 1** *adx.* Ver GANCHA 1 /1033. (Dis.).
1035 **gaucha** *adx.* Ver GANCHA 1 /1033. (Busta.).
1036 **ghacheiro** *adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara abaixo. A nosa fonte escribe *jacheiros*. (Alla2).
1037 **ghallarda 3** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca que ten os cornos cara abaixo" e escribe *jallarda*. (Cunt2).
1038 **ghalludo** *adx.* [Boi] cos cornos cara abaixo. (Gro1).
1039 **ghancha 1** *adx.* Ver GANCHA 1 /1033. A nosa fonte escribe *jancha*. (Enxames).
1040 **ghicha 2** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. A nosa fonte escribe *jicha*. (Bas., Couce).
1041 **guinchena** *adx.* [Vaca] cos cornos cara abaixo. (Com1, Gui., LG).
1042 **guinchona** *adx.* Ver GUINCHENA /1041. A nosa fonte escribe *ginchona*. (Codeso.).
1043 **moghela 2** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. A nosa fonte escribe *mojela*. (Dum.).
1044 **mona 3** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca que ten os cornos cara abaixo". (Morga., Rama.).
1045 **notaria** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. (Saiar, Sisán).
1046 **picaña 2** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. A denominación parece nacer da semellanza co apeiro de labranza dese mesmo nome. (Fol-C).
1047 **picocha** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. (Vnova2).
1048 **pinchona 1** *adx.* [Vaca] cos cornos cara abaixo. (Com1, CP, Gui., LG, Negral, Parga).
1049 **pinchorla** *adx.* Ver PINCHONA 1 /1048. (Burgo).
1050 **princhona** *adx.* Ver PINCHONA 1 /1048. (Damil).
1051 **retorneado** *adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara abaixo. (Oroso2).
1052 **revirado** *adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara abaixo. (Burela1, Lampón).
1053 **torsida** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. (Vtose.).
1054 **brocado abaixo** *loc. adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara abaixo. (MCouso).
1055 **cabana dos dous** *loc. adx.* [Vaca] que ten os dous cornos cara abaixo. (Saiar).
1056 **de mala encornadura** *loc. adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. (Lampón).
1057 **pra abaixo** *loc. adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara abaixo. A nosa fonte escribe *cornos pra abaixo* (VFrore.) e *cornos pra baixo* (Buga-N). (Buga-N, VFrore.).
1058 **prá terra** *loc. adx. Ú. m. en pl.* [Corno] dirixido cara abaixo. A nosa fonte escribe *vaca con os cornos pra terra*. (Baltar).

2.3.10.4.5. Vacas cos cornos grandes e abertos

1059 **cornatán** *s.f.* Vaca cos cornos grandes e abertos. Nalgúns lugares de Galicia *cornetán* é o nome da vacaloura. (Lañas).
1060 **esparaván 2** *s.m.* Vaca cos cornos grandes e abertos. A denominación indica unha certa desproporción. Aníbal Otero defíneo como "persona o animal seco y desgarbado. *Parece un esparaván*". (Caban.).
1061 **galla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Corno grande e dirixido cara arriba ("de donde le viene el nombre de *galludo* que se aplica a este animal", segundo ERG). (ERG).
1062 **cornos de forcada** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cornos grandes e abertos. (Mira.).
1063 **gallas pra fóra** *loc. s. pl.* Cornos grandes e abertos. (Baltar).
1064 **andaluza** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Aranga).
1065 **apaisada** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. ¿El virá de *país*? (Guil2).
1066 **apalancada** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Ces.).
1067 **asgallada** *adx.* Ver ESGALLADA /1086. (Baltar, VFrore.).
1068 **broqueira** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Cam4).
1069 **cabana 2** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. As nosas fontes en TapiaC e Piñor escriben *cavana*. (Barcia, Cang2, Carr-C, Cunt2,

Neves2, Oroso2, Piñor, TapiaC, Valad1, Vxoán.).

1070 **cabaneira** *adx.* Ver CABANA 2 /1069. (Cunt2).

1071 **cachela 1** *adx.* [Vaca] de cornos longos e abertos cara ós lados. (Lamas, Piñei2, PSeca, Xun.).

1072 **cacholudo** *adx.* [Boi] de cornos grandes. (VLLM).

1073 **cachorra 3** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Pravio).

1074 **calva 4** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca cos cornos grandes e abertos cara ós lados". (Bas., Eixo, Oroso2).

1075 **cancha** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. Razo escribe moi parecido o ene e mailo u; supoñemos que é iso o que fixo que o colector da información do ILG transcribise como *caucha* o que probablemente era *cancha*. (Figue1, Grixoa, Razo).

1076 **cerva** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos coma os dos cervos. (Bolo, Peno.).

1077 **cornán** *adx.* [Boi] que ten cornos grandes. (Com1, CP, ERG, LG, Lous., MLP, Piquín).

1078 **cornanta** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Ortoño).

1079 **corneiro** *adx.* [Boi] que ten os cornos longos e grandes. (ERG).

1080 **cornellana** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Xudán1).

1081 **corneta 3** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Poulo, Vviño.).

1082 **cornuda 1** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Buga-A, Cur., Fózara, Lucí, Medín, Meir., Parga, Santi., Vcova., Veste.).

1083 **chata 2** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Pravio).

1084 **escachada** *adx.* [Vaca] cos cornos longos e abertos cara ós lados. LG aplícao ó boi coa corna moi aberta. (Carr-G, Gud5, Gud7, LG, Mez., Raiaseca, Vil.).

1085 **escorneada** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Buga-A).

1086 **esgallada** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Camba, Ram.).

1087 **esghallada** *adx.* Ver ESGALLADA /1086. A nosa fonte escribe *esjallada*. (Buga-N, Oliv.).

1088 **espallada** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Consta.).

1089 **espallados** *adx. pl.* [Cornos] grandes e abertos. (Mon., Negral).

1090 **espartelada** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. Témo-las nosas dúbidas de que sexa *espartelada* e non *espatelada*. O texto do noso informante non ten dúbida pero no mesmo norte de Lugo temos *vaca patela*. (Laiosa).

1091 **frontudo** *adx.* [Boi] de grandes cornos. (VLLM).

1092 **gabana** *adx.* [Vaca] que ten os cornos abertos. ¿Será erro por *cabana*? (AO2).

1093 **gaiteira 2** *adx.* [Vaca] con cornos longos e finos. LG aplícao á vaca cos cornos moi erguidos. (Dum., LG).

1094 **gallarda 1** *adx.* [Vaca] que ten os cornos grandes e abertos. (Antas3, Bidu., , Burgo, Caa., Cab., Calo, Chan., Cod., Com1, Com4, CReis2, Crendes, Culle., ERG, Feás-A, Grixó, Lagoa, Macei., Mel1, Nove., San., Valad2, VLLM, Zolle).

1095 **gallardada** *adx.* Ver GALLARDA 1 /1094. (Ribad.).

1096 **gallardeira 1** *adx.* Ver GALLARDA 1 /1094. (Com1).

1097 **galleira 3** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. Hai vacas que levan este nome debido a esta causa. (Busta., Callo., Carbal., Carño2, Com1, Dis., ERG, Gui., LG, Mel1, Mra., Piñe., Sete-L, Taboa.).

1098 **galluda 2** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos cara arriba. *O boi, galludo, e o labrego, barbudo* (XMSH, ERG). *Boi galludo, e boieiro, peludo* (ERG). Eladio Rodríguez recolle esta voz como adxectivo, aplicada ó boi ou vaca de cornos grandes e moi abertos cara arriba, e como substantivo feminino, aplicada á raza vacúa portuguesa tamén denominada Cartellá. (Dum., ERG, Gro1, JMP, Laxe, Razo, Vala., XMSH).

1099 **galludos** *adx. pl.* [Cornos] grandes e abertos cara ó alto. (ERG).

1100 **garouta 2** *adx.* [Vaca] cos cornos moi levantados. (Gud5, Gud7, Raiaseca).

1101 **garouto 2** *adx.* [Vacún] mal feito e cos cornos grandes. (Martín).

1102 **ghallarda 1** *adx.* Ver GALLARDA 1 /1094. A nosa fonte escribe *jallarda*. (Abe., Arca, Bar-Co., Beman., Carde., Cervá2, Figue2, Gaxate, Lestón, Miñor2, Neda, Negr2, Nive., Oroso2, Poulo, Rama., Ribe1, Ribe2, Saiar, Salv3, Santi., Sisán, Suevos, Tabor., Teo, Verdu., Viso1, Viso2).

1103 **ghallardos** *adx. pl.* [Cornos] grandes e abertos. (Randu.).

1104 **ghalleira 2** *adx.* Ver GALLEIRA 3 /1097. A nosa fonte escribe *jalleira*. (Alla2, Berres., Fol-C, Lampón, Pedro., Rendal, Sabu3, Sende., Tab1).

1105 **ghalluda 2** *adx.* Ver GALLUDA 2 /1098. (Anca, Car2, Dum., Leir-A, Morai., Sofán, Vmaior.).

1106 **palanca 2** *adx.* Ver PALANCOA /1107. (Rib-S, Vila., Xeve).

1107 **palancoa** *adx.* [Vaca] que ten os cornos longos e moi abertos. (Arroxo, Arzón, Burón, Casal., Cerd2, Codeso., Lava., Laxosa, Lendo, Lucí, Medín, Oirán, Pade., Peroxa, Ribe1, Samos3, Sisto, Suarna, Troán1, Valen., Vtose.).

1108 **palancuda** *adx.* Ver PALANCOA /1107. (Estr3, Vi-Val.).

1109 **palangoa** *adx.* Ver PALANCOA /1107. (Frei.).

1110 **palanquera** *adx.* Ver PALANCOA /1107. (Val-LE).

1111 **parramela 1** *adx.* [Vaca] que abre os cornos. (LG, Saa).

1112 **parrela 1** *adx.* [Vaca] cos cornos longos e abertos cara ós lados. (Incio, Vixoán.).

1113 **parrón** *adx.* [Animal] aberto de cornos. (FA).

1114 **patela 2** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Fre., Vala.).

1115 **piñeira 3** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. (Chan.).

1116 **pisca 2** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. As fontes describen de forma diferente a disposición dos cornos. Ribó e Sabu2 definen *pisca* como "vaca cos cornos cara adiante"; Bolo, Callo., Com4, Friei., Guil2, Mosen., Noalla, Peno., Rama., Randu., Tabor., Valad1, Viso1, Viso2 e Vxoán, como "vaca cos cornos cara arriba"; Melias, como "vaca cos cornos cara adiante"; e Carr-C, como "vaca cos cornos cara atrás". (Bolo, Callo., Carr-C, Com4, Friei., Guil2, Melias, Mosen., Noalla, Peno., Rama., Randu., Ribó, Sabu2, Tabor., Valad1, Viso1, Viso2, Vxoán.).

1117 **portughesa** *adx.* [Vaca] cos cornos cara adiante. A nosa fonte escribe *portujesa*. (Morga.).

1118 **portuguesa 1** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. As fontes describen de forma diferente as disposicións dos cornos. Melias e Mosen. definen *portuguesa* como "vaca cos cornos grandes e abertos"; Sabu3, como "vaca cos cornos cara arriba"; e Busta., como "vaca cos cornos cara atrás". (Busta., Melias, Mosen., Sabu3).

1119 **santiaghesa** *adx.* [Vaca] cos cornos grandes e abertos. A nosa fonte escribe *santiajesa*. Non existe ningunha raza ou variedade denominada *santiaguesa* nin parece probable que califiquen así a unha vaca pola disposición dos cornos. Máis verosímil nos resulta que reciba este nome simplemente por ser mercada no mercado de Santiago. (Sofán).

1120 **travesa 2** *adx.* [Vaca] cos cornos revirados cara a fóra, que os abre. (Burón, Caa., Cab., Piquín, Porto).

1121 **aberta de cabeza** *loc. adx.* [Vaca] que abre os cornos. (Gud5).

1122 **te-los cornos abertos** *loc. v.* Ter [unha vaca] os cornos grandes e dirixidos cara ós lados. (CarbCo., PSil).

1123 **ter boa encornadura** *loc. v.* Ter [unha vaca] os cornos grandes e abertos. Denominación gráfica. (Ben.).

Boi, cornudo; labrador, barbudo. (ERG:boi)
Boi, galludo; e boieiro, peludo. (ERG:boi) [411]
O boi, galludo; e o labrego, barbudo. (XMSH:189; ERG:boi) [412]
Boi pequeno, corna larga. (SCD:16)
Miña marela gallarda, ara, carreta e non cansa. (VLLM:1,144)
Miña vaquiña gallarda, ara, carreta e non cansa. (VLLM:1,144) [413]
Ó boi cornalán, nunca lle faltan cornadas. (SCD:66) [414]
Ti es asemellado ó meu boi gallardo: corno por tras, ventas e todo. (VS) [415]

Teño unha herba na horta
que lle chaman ten o burro
¡teno ti por moitos anos
que es fillo dun boi cornudo! [416]

2.3.10.4.6. Vacas cos cornos pequenos

1124 **cornecha 2** *adx.* [Vaca] que ten os cornos pequenos e retortos. (Cab., Gui., Mel1, San., Sob.).

1125 **cotela 1** *adx.* [Vaca] que ten os cornos pequenos. (Grixó).

1126 **tuquela** *adx.* [Vaca] que ten os cornos pequenos. (Ctel1).

1127 **corneta 2** *adx.* [Vaca] cos cornos pequenos e revirados cara a dentro. (Grixó).

---

411 Lémbrese o mito de Sansón, que tiña a forza no pelo, e o tópico actual sobre o pelo nos homes: *Home peludo, home caralludo* (Gud5:98), *Home peludo, home forzudo* (Gud5:98) ou sobre os *homes de pelo en peito*, como aparece no refraneiro (*Home de pelo no peito, home de valor e feito*). A mesma idea aparece tamén noutros refráns que ensalzan a barba ou o bigote (*Arado rabudo y-o labrador barbudo*; *Gárdate de home mal barbado e do lobo esfameado*; *Ben parece moza garrida cabo de barba comprida*; *Se bigote non tes, mulleriña es*). Con todo, respecto á comparación co *boi galludo*, é dicir, cornudo, téñase en conta que o refraneiro tamén di *Boi cativeiro todo é corna* e *Boi cativo en cornos crece*.

412 ERG: *i o labrego*.

413 Llópiz recolle este e mailo anterior da *Monografía de La Capela* de A. Abelaira, explica: *La vaquillona gall. que usan los pobres a todo cuento, es una res chiquitilla y de desproporcionada cornamenta abierta hacia los lados* (*gallarda*). Esta descrición lémbranolas vacas cachenas pero o certo é que temos visto fotografías antigas de vacas marelas, mal alimentadas, ás que tamén lles acae.

414 Explícao así: *El que es travieso siempre lleva algún testarazo*. No texto: *O boi*.

415 VS comenta: *Desplante para deshacerse del contrincante a quien el dicente aupa con lo de 'corno por tras', según le lleva cuando la yunta va uncida, el buey de mayor fuerza*.

416 JPBIII:51.33. No texto: *n-a horta, tèn o burro, tè-n-o ti, qu'ès fillo d'un boi*.

2.3.10.4.7. Vacas cos cornos cara adentro



Vaca que cerra os cornos.

1128 **gabucha** *adx.* [Vaca] que ten os cornos revirados cada dentro e pechados un contra o outro. (LG, Vila).
1129 **gadana** *adx.* Ver GARRUCHA 4 /1134. (Donís2).
1130 **gadaño 2** *adx.* [Res] que ten os cornos pechados un contra o outro. (Lagoa, LG).
1131 **gaiola** *adx.* [Vaca] cos cornos pechados. (LG).
1132 **gancha 3** *adx.* Ver GARRUCHA 4 /1134. (LG, Vila).
1133 **garabita** *adx.* [Vaca] cos cornos moi pechados. (Tras.).
1134 **garrucha 4** *adx.* [Vaca] que cerra os cornos. (Ancares2, LG, Piquín).
1135 **ghancho** *adx.* [Corno] curvo, en forma de gancho, cerrado cara a dentro. *O boi ten os cornos ghanchos*. (Xun2).
1136 **mochena 2** *adx.* [Vaca] cerrada de cornos. (LG, Meira).
1137 **parramela 2** *adx.* [Vaca] cos cornos pechados un contra o outro. (Saa).
1138 **parrela 2** *adx.* [Vaca] cos cornos pechados. (LG).
1139 **picañeira** *adx.* [Vaca] cos cornos cara a dentro. (Nove.).

2.3.10.4.8. Vacas cun corno nada máis

1140 **alicórneo** *s.m.* Vaca á que lle falta un corno. (Sabu3).
1141 **broca 3** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Morai., Taboa.).
1142 **cachena 2** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Aranga, Arme., Crendes, Pravio).
1143 **cornacha 1** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Noalla).
1144 **corneta 1** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Antas3).
1145 **cornuda 5** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca á que lle falta un corno". Ver CORNUDA 6 /1211 como vaca sen cornos. (Guil2, Valad2).
1146 **cota 3** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Negr2, TapiaC).
1147 **coteca** *adx.* [Vaca] que só ten un corno. (Arc1).
1148 **cotexa** *adx.* Ver COTECA /1147. (Umia).
1149 **chosca 1** *adx.* [Vaca] que só ten un corno ou ten un roto ou ten un máis alto có outro. Tamén se di da que carece dun ollo. (Cam1, Cam2).
1150 **descornada** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Fol-LE, Peroxa).
1151 **ermoucada** *adx.* Ver ESMOUCADA /1157. (PSeca).
1152 **escornada 2** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Abadín, Anca, Ben., Burela1, Caa., Cab., Car2, Ced., Cervá2, Cubi2, Estr3, Fre., Lago, Laraxe, Meir., Mondo1, Mondo2, Neda, Negra., Nove2, Oirán, Pade., Ped1, Rib-S, Ribe1, Vala., Vi-Val., Vmaior, Xudán1).
1153 **escoxada 3** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Caban.).
1154 **esmoconada** *adx.* Ver ESMOUCADA /1157. (Cab., Gui.).
1155 **esmoncada** *adx.* Ver ESMOUCADA /1157. (Cere.).
1156 **esmorrada** *adx.* Ver ESMOUCADA /1157. (Leir-A).
1157 **esmoucada** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno.

(Alla2, Busta., Enxames, Fara., Mra., Ram., Ribó, Ver1, Vil., Vrei., Xun.).

1158 **fanado 1** *adx.* [Animal] ó que lle falta un corno ou os dous. (Común).

1159 **fanoto 1** *adx.* Ver FANADO 1 /1158. (Mez., Porto).

1160 **manca 2** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Nive.).

1161 **manquesa** *adx.* Ver MANCA 2 /1160. (Arzón).

1162 **moca** *adx.* Ver MOCHA 2 /1163. (Consta., Samos3).

1163 **mocha 2** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Ancares2, Barre., Bolo, Chan., Fol-C, Meira2, Peno.).

1164 **mochena 1** *adx.* Ver MOCHA 2 /1163. (Rábade).

1165 **moghela 1** *adx.* Ver MOGUELA /1167. A nosa fonte escribe *mojela*. (Dum., Eixo, Morai.).

1166 **moghila** *adx.* Ver MOGUELA /1167. A nosa fonte escribe *mojila*. (Frei.).

1167 **moguela** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Dum., Toba).

1168 **mona 2** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno ou unha orella. (Común).

1169 **moquena 1** *adx.* Ver MOUCA 1 /1170. (Com1, CTui, Cur., Leir-A, Medín, Oroso2, Pre., Vilar).

1170 **mouca 1** *adx.* [Vaca] á que lle falta ou ten roto un corno. (Amandi, Baltar, Cal., Carr-G, Ces., Dis., ERQ, Gud., Gud5, Gud7, Incio, Laiosa, Lamas, Mez., Mra., Ped1, Piñei2, PSil, Raiaseca, Val-LE, Ver1, Veste., Vil., Vill-O, Vixoán., Vrei., Xun.).

1171 **moucha 1** *adx.* Ver MOUCA 1 /1170. (Cubi2, Negral).

1172 **mouga** *adx.* Ver MOUCA 1 /1170. (Porto).

1173 **mouguela** *adx.* Ver MOGUELA /1167. (Samos3).

1174 **moxela** *adx.* Ver MOGUELA /1167. (Mira.).

1175 **muguela** *adx.* Ver MOGUELA /1167. (Laxe, LG, Toba, XLFG).

1176 **muñico** *adx.* [Animal] que carece dun corno. (Ver1).

1177 **nacha 3** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Carño2).

1178 **pitoña** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Corb., Pal., Vnova2).

1179 **remona** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Melias).

1180 **roma 2** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Cruído).

1181 **semimona** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Ribad.).

1182 **simemona** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. ¿Metátese de *semimona*? (Com4).

1183 **toca 1** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Cast., Estr4).

1184 **togha** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. A nosa fonte escribe *toja*. (Teo).

1185 **toquela** *adx.* Ver TOCA 1 /1183. (Casal.).

1186 **torta 3** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Oliv., Troán1).

1187 **trabuca** *adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Cab.).

1188 **xeno** *adx.* [Res] á que lle falta un corno. (ERG, LG).

1189 **baixa dun corno** *loc. adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Piñe.).

1190 **cota dun corno** *loc. adx.* Ver COTA 3 /1146. (TapiaC).

1191 **chosca dun corno** *loc. adx.* Ver CHOSCA 1 /1149. (Cam2).

1192 **dun corno** *loc. adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (VFrore.).

1193 **medio mona** *loc. adx.* Ver MONA 2 /1168. (Xeve).

1194 **mona dun corno** *loc. adx.* Ver MONA 2 /1168. (Bar-Co., Conxo, Figue1, Figue2, Lañas, Lestón, Macei., MCouso, Mon., Mosen., Oroso1, Piñor, Santi., Sisán, Suevos).

1195 **mona dun lado** *loc. adx.* Ver MONA 2 /1168. (Carde., Couso, SComba, Suevos, Tab1, Vilaf.).

1196 **sin corno** *loc. adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Carbal., Lous., Valen.).

1197 **sin un corno** *loc. adx.* [Vaca] á que lle falta un corno. (Buga-N, Damil, Verdía).

1198 **torta dun corno** *loc. adx.* Ver TORTA 3 /1186. (Cam4).

1199 **chosquear 2** *v.* Faltarlle un corno á [vaca]. (Cam1).

1200 **tar sin corno** *loc. v.* Faltarlle un corno [a unha vaca] (Baíñas).

2.3.10.4.9. Vacas cos cornos desiguais

1201 **chosca 2** *adx.* [Vaca] que ten un corno máis alto có outro. (Cam2).

1202 **escribana** *adx.* [Vaca] que ten un corno máis alto có outro. (Arc1, Noalla3).

1203 **gacha 2** *adx.* [Vaca] cun corno máis baixo có outro. (Gud5, Gud7, LG, Raiaseca).

1204 **maimiño** *adx.* [Corno] que quedou máis pequeno có outro. (Com1).

1205 **media broca** *adx.* [Vaca] cun corno máis alto có outro. (Tras.).

1206 **mocha 3** *adx.* [Vaca] cun corno máis longo có outro. (Cre., XER).

1207 **tosta 2** *adx.* [Vaca] que ten un corno máis alto có outro. (Arc1).

1208 **chosquear 1** *v.* Te-los cornos desiguais [unha vaca]. (Cam1).



Vaca cos cornos desiguais.

2.3.10.4.10. Vacas sen cornos

Dende hai anos e co fin de facilita-lo manexo do gando en estabulación permanente, así como evitar accidentes por cousa dos cornos e ataques entre elas ou á xente, téndese cada vez máis a buscar exemplares sen cornos, ben eliminándoos directamente cando son becerros, normalmente mediante cauterización química ou térmica dos botóns córneos; ben por selección gandeira buscando reprodutores nos que este carácter sexa recesivo. Lémbrese o que dixemos ó cita-lo estándar racial da rubia galega: *Considérase carácter beneficioso a diminución do tamaño dos mesmos, particularmente nos machos.* E repárese en que, hoxe, nos concursos de gando frisón tódolos exemplares carecen de cornos.

Pero todo isto é unha práctica moi recente. O léxico que recollemos e a fraseoloxía popular reflicten abrumadoramente que, na gandería tradicional, a ausencia de cornos –ou mesmo o seu pequeno desenvolvemento- considerábase unha característica negativa.

Véxase no cap. 14: *Humor*, dous relatos nos que a vaca sen cornos desencadeou unha xa vella metáfora da infidelidade matrimonial.

1209 **cachena 3** *adx.* [Vaca] sen cornos. Curiosa denominación para unha vaca sen cornos cando o certo é que a raza *cachena* caracterízase, precisamente, pola súa impresionante cornamenta. (Aranga).

1210 **cornecha 1** *adx.* [Vaca] sen cornos. (Arme., Baña2, Cerd2, Corre., Estr3, Gui., NegraG, Noalla, Nove2, Oliv., Parga, Pedro., Troán1, Vedra).

1211 **cornuda 6** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca sen cornos". Esta sorprendente voz aparece noutras dúas localizacións co valor de "vaca sen un corno" (Guil2, Valad2). (Fuxás).

1212 **cotela 2** *adx.* [Vaca] sen cornos. (Lampón).

1213 **escornada 3** *adx.* [Vaca] sen cornos. (Ben., Leir-A, Negra.).

1214 **escornao** *adx.* [Boi] que non ten cornos. (VGR).

1215 **mocena** *adx.* Ver MOUCA 2 /1221. (Cervá2).

1216 **mocha 1** *adx.* [Vaca] sen cornos. VGR explica que o calificativo de *mocho/a* se aplica só á cabuxa ou ovella que carece de cornos, e que cando se trata dun boi ou dunha vaca se emprega o vocablo *escornao/da*. (Ancares2, Antas3, Arroxo, Barre., Chan., ERG, Fol-LE, Laxosa, Meira2, Rábade, Rib-S, Vill-O).

1217 **mochena** *adx.* Ver MOCHA 1 /1216. (SCHU).

1218 **mona 1** *adx.* [Vaca] sen cornos. (ILG: 181 (C:84, LU:31, OU:19, PO:47)).

1219 **moña** *adx.* Ver MONA 1 /1218. (DBP).

1220 **moquena 2** *adx.* Ver MOUCA 2 /1221. (Cur.).

1221 **mouca 2** *adx.* [Vaca] sen cornos. Mariño Ferro recólleo como nome propio dunha vaca sen cornos. (Amandi, Ibias1, Lamas, Piñei2, Vrei., XRMF4).

1222 **moucada** *adx.* Ver MOUCA 2 /1221. (Enxames).
1223 **moucha 2** *adx.* Ver MOUCA 2 /1221. (Val-LE, Xudán1).
1224 **mouquela** *adx.* Ver MOUCA 2 /1221. (Casal.).
1225 **mula** *adx.* Ver MOUCA 2 /1221. (Ibias1).
1226 **muxena** *adx.* [Vaca] sen cornos. (Neda).
1227 **nacha 2** *adx.* [Vaca] sen cornos. (Alla2).
1228 **toca 2** *adx.* [Vaca] sen cornos. (Callo.).

Á vaca mochena tembráballe o rabo
en cas de Angarella sucedió un milagro
Liopoldo Méndez sacude as mantelas
Benito Labraba la quiere de veras. [417]

Fun á feira das Travesas
e comprei unha vaca moña;
á que se casa cun cego
nunca lle falta zanfoña. [418]

Fun á feira de Caldelas,
comprei unha vaca mona
para o ladrón do meu vello,
que nunca lle faltan reformas. [419]

Fun á feira de Forzáns,
merquei unha vaca mona,
á que casa cun cego
nunca lle falta zanfona. [420]

Vinde acá mulleres
rapaces e todo,
vinde ver o dote
que me deu meu sogro.
Unha cabra cega,
un cabrito coxo,
unha vaca vella
e un becerro mono,
unha manta vella
cun remendo novo,
unha arca chea
de pan de centeno.
unha porca grande
e un porco pequeno. [421]

2.3.11. O pescozo

O pescozo é a rexión do corpo que une a cabeza ó tronco. Ten máis ou menos unha forma tronco-cónica, cunha liña superior chamada *caluga*, que veremos a continuación, e unha inferior ou rexión traqueal, que as máis das veces está cuberta pola *barbela*, que estudaremos despois.

Os dous lados do pescozo adoitan presentar unha superficie plana, polo que se lles chama *táboas do pescozo*; na súa parte inferior apréciase unha depresión lonxitudinal pola que discorre a xugular.

1229 **cachazo 1** *s.m.* Pescozo da vaca. Aplícase tamén, en sentido vulgar e burlesco, á xente cando o ten groso de máis. *Carne de vaca vella, bon cachazo saca* (VLLM). (ERG, Mez., Oliv., VLLM).
1230 **cachazo 2** *s.m.* Táboas do pescozo. (PAre1).
1231 **carroleira 1** *s.f.* Pescozo. (Sabu3).
1232 **carrolo** *s.m.* Pescozo. (ERG).
1233 **carruleira 1** *s.f.* Pescozo. (Sabu3).
1234 **cochaso** *s.m.* Ver CACHAZO 1 /1229. (Randu.).
1235 **coello** *s.m.* Pescozo. (Ribad.).
1236 **colo 1** *s.m.* Pescozo. En Zolle definen como a parte do pescozo da vaca onde se lle pon o xugo. O noso informante en Cerceda (Cer.) especifica que "por enriba". (Burgo, Cer., Cubi2, Culle., Laraxe, Lestón, Mira., Nive., Oza, Pade., Parga, Razo, Valen., Vilar, Vviño, Zolle).
1237 **corpozo** *s.m.* Pescozo. (Valad1).
1238 **cospozo** *s.m.* Pescozo. (Goián, Goián2).
1239 **galga 1** *s.f.* Pescozo. (Caa., Cab.).
1240 **garganta** *s.f.* Parte inferior das queixadas e comezo do pescozo. (Cam1).
1241 **ghorsia** *s.f.* Ver GORXA 4 /1242. A nosa fonte escribe *jorsia*. (Noal).
1242 **gorxa 4** *s.f.* Parte inferior do pescozo. (Gro1, Taboa.).
1243 **pescoceira 1** *s.f.* Pescozo. (Baltar, PSeca, Toba).
1244 **pescoceira 2** *s.f.* Pescozo groso. Ten sentido colectivo. Por veces é despectivo. (Xun2).
1245 **pescoseira** *s.m.* Ver PESCOCEIRA 1 /1243. (Baña2).

[417] SCHU6/2/1928. No texto: *tembráball'o, d'Angarella, sacud'as*. O colector non dá máis información sobre esta cantiga cá orixe, A Pastoriza.
[418] DBP:3710.
[419] DBP:3561.
[420] VD:609, Coto2:57, Lama2:88. No texto: *comprei, c-un* (VD); *con un* (Coto2); *a que se casa cun cego* (Lama2).
[421] Coto2:107.

1246 **pescoso 1** *s.m.* Ver PESCOZO 1 /1247. (Abadín, Agro., Alla2, Arca, Bas., Borre., Buga-N, Calo, Cam4, Cang3, Carr-C, Casal., Corb., Cruído, CTui, Fuxás, Gro1, Lampón, Lucí, Macei., Mour1, Negr2, Rama., Saiar, Sisán, Tab1, Teo, Valad1, Vnova2, Vxoán, Xeve. ILG (C:18)).

1247 **pescozo 1** *s.m.* Colo, rexión que une a cabeza e o corpo. (Común. ILG:146 (C:56, LU:36, OU:20, PO:34)).

1248 **piscozo** *s.m.* Ver PESCOZO 1 /1247. (Vill-O).

1249 **pizcocio** *s.m.* Ver PESCOZO 1 /1247. (Ancares2).

1250 ***cuello** *s.m.* Ver COLO 1 /1236. (Noalla3).

2.3.11.1. A caluga

Tamén chamada *xugueira*, porque é onde apoia o xugo. Valórase no trato *ter boa xugueira* porque a formación do calo nesta zona indica que o animal está xa adoito a ser xunguido e traballar co arado e co carro. Prefírese convexo nos machos, nos que avulta visiblemente, e recto nas femias.

1251 **caliga** *s.f.* Ver CALUGA 1 /1253. (ERG).

1252 **caluba** *s.f.* Ver CALUGA 1 /1253. (Gorgu.).

1253 **caluga 1** *s.f.* Punto de unión entre o espiñazo e a cabeza. (Común).

1254 **calugha** *s.f.* Ver CALUGA 1 /1253. (Pre.).

1255 **cangalleira 3** *s.f.* Caluga. Chámase así por se-la zona onde apoia a canga ou xugo. (ERG).

1256 **canghalleira** *s.f.* Ver CANGALLEIRA 3 /1255. A nosa fonte defíneo como "carne do pescozo". (Razo).

1257 **cervice** *s.f.* Ver CERVIZ /1258. (ERG).

1258 **cerviz** *s.f.* Parte superior do pescozo. Crespo Pozo recólleo nas Cantigas de Santa María. (CP, XER).

1259 **cocote 1** *s.m.* Ver COGOTE /1260. (ERG, ERQ).

1260 **cogote** *s.m.* Parte alta e posterior do pescozo. (Burón, Ver1).

1261 **coiquizo** *s.m.* Caluga. (Vil.).

1262 **coliga** *s.f.* Ver CALUGA 1 /1253. (CP, ERG).

1263 **coluga** *s.f.* Ver CALUGA 1 /1253. (ERG).

1264 **corcova** *s.f.* Caluga. ERG aplícao á xente: *coa bufanda envolveita na corcova*. (ERG).

1265 **cotote** *s.m.* Ver COGOTE /1260. (Caa., Cab., Feás-A, Fri.).

1266 **cuxote 2** *s.m.* Cerviz, parte posterior do pescozo. (CP).

1267 **espiezo** *s.m.* Parte superior do pescozo. (Ancares2).

1268 **moleira 1** *s.f.* Testa do gando, especialmente a parte superior onde descansa a molida. (Xun2).

1269 **moleira 2** *s.f.* Parte curva entre as orellas da vaca. (Gud5).

1270 **talugha** *s.f.* Ver CALUGA 1 /1253. (Grixó).

1271 **xughadeira** *s.f.* Ver XUGUEIRA 2 /1273. (Grixó).

1272 **xugheira 2** *s.m.* Ver XUGUEIRA 2 /1273. (Lous., San., TapiaC).

1273 **xugueira 2** *s.f.* Parte superior do pescozo do animal, na que asenta o xugo. *E foi póndose en pé, alzado ás catro patas, coa xugueira marcada polo vulto extremo que lle dera sona de caste. Seica os bois rubios gardan aquí a memoria, a caixa negra, por eso aqueles que a teñen case en tallo coas agullas non deben coñecer nunca o labor do xugo nin a inútil castración* (XVP3:11-12). (Antas3, Arzón, ERG, ERQ, Noalla3, XVP3).

1274 ***anuca** *s.f.* Caluga, parte alta da cerviz. (ERG).

2.3.11.2. A barbela

Prego de pel de perfil flexuoso, máis ou menos amplo, que baixa dende a gorxa ata desaparecer no peito. O tamaño e grosor desta marmela indica o grao de rusticidade da raza.

1275 **almendrella** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla graxenta na marmela da vaca. (Com1).

1276 **almendrilla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ALMENDRELLA /1275. (Com1).

1277 **babeira 2** *s.f.* Barbela. (Piñe.).

1278 **badana 1** *s.f.* Pel que colga do pescozo do gando vacún. (Común: Alence, Alla2, Amandi, Ancares2, Arroxo, Baltar, Bolo, Burón, Busta., Cal., Carr-G, Dis., Fara., Gud., Gud5, Ibias1, Incio, Laiosa, Lamas, Lobe., Melias, Mez., Mra., Ped1, Peno., Piñei2, Piquín, Pravio, PSeca, PSil, Ram., Rib-S, Ribó, Sabu2, Sabu3, Suarna, Troán1, Vedra, VFrore., VGR, Vil., Vixoán., Vrei., Xun. ILG:7 (C:2, LU:4, PO:1)).

1279 **badaña** *s.f.* Ver BADANA 1 /1278. (Porto).

1280 **baduna** *s.f.* Ver BADANA 1 /1278. Sospeitamos que é erro por *badana*. (Cere.).

1281 **balo 2** *s.m.* Barbela. (Noalla).

1282 **baloma** *s.f.* Barbela. (Borre., Rama.).

1283 **barbada 1** *s.f.* Pel que colga do pescozo do gando vacún. Noutros lugares, a *barbada* designa a pel que ten a vaca arredor da boca. Gro1 (*Léxico de O Grove*) define *barbada* como "cuello, referido a una vaca", mentres que para a voz *barbillo*, noutra parroquia do mesmo concello, a definición é máis concreta: "piel que cuelga del cuello de la vaca". (Anseán, Barre., Chan., Com1, Conxo, Corb., Dozón, Fol-LE, Gro1, Gui., Oroso2, Piquín, Ribe1, Ribe2, Sisto, Vnova2).

1284 **barbadela 1** *s.f.* Ver BARBADA 1 /1283. (Abadín, Ben., Burela1, Caban., Camba, Carbal., Carño2, Ced., Com1, Cre., Dozón, ERG, Fre., Fuxás, Meira2, Mondo1, Mondo2, Negra., Neves2, Piquín, Piñor, Vala., Xudán1).

1285 **barbado** *s.m.* Ver BARBADA 1 /1283. (Baña2).
1286 **barbela 1** *s.f.* Ver BARBADA 1 /1283. (Agro., Antas3, Arzúa2, Bar-Co., Buga-A, Cadrón, Callo., Carr-C, Cod., Com4, Couso, CReis2, Cunt2, Eixo, Estr4, Fózara, Fra., Grixoa, Lagar., Lucí, Oirós, Oliv., Oroso1, Rib-E, Saiar, Salv3, Somo1, Tab1, Taboa., Teo, Verdía, XVP2).
1287 **barbís** *s.m.* Ver BARBADA 1 /1283. A nosa fonte escribe *barbis*. (Lagar.).
1288 **barbixa** *s.f.* Barbela. (CTui).
1289 **barbo 5** *s.m.* A nosa fonte define como "marmela", pero o mesmo informante dá *barbo* como "pel frouxa que ten a vaca arredor da boca" (Ver BARBO 1 /588). (Zamáns).
1290 **bebedeiro 3** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "pel que colga pola parte de baixo do pescozo". (Vill-O).
1291 **cadillo 2** *s.m.* Barbela. (Cam4).
1292 **coleira 3** *s.f.* Barbela. (Guil2, Tabor.).
1293 **faldrilla** *s.f.* Barbela. (Cabal.).
1294 **galgueira** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Culle.).
1295 **garganata** *s.f.* Barbela. A nosa fonte escribe *garganata* entre comiñas, o que indica que o colector transcribe fielmente. (SComba).
1296 **gargueira 2** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (LG).
1297 **gharghaleira** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Neda).
1298 **ghargholeira** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Anca, Cervá1, Lago).
1299 **gholgheira** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Suevos).
1300 **ghorgheira** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. As nosas fontes escríbeno *jorjeira* (Caa., Car2, Codeso., Cur1, Leir-A, Pade., Parga, Vmaior.) e *gorjeira* (Dúas). (Caa., Car2, Codeso., Cur., Cur1, Dúas, Leir-A, Pade., Parga, Vmaior).
1301 **ghorgholeira** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Cervá2).
1302 **ghorxeira** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Aranga, Beman., Estr4, Vi-Val.).
1303 **ghougheira** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Pedro.).
1304 **ghouxeira** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Pedro.).
1305 **golgueira** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Damil).
1306 **gorgoleira 1** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Cab., Meir.).
1307 **gorgueira 1** *s.f.* Pel que colga pola parte de baixo do pescozo. (Burgo, Caa., Cab., Consta., Fri., Gui2, Gun., Laiosa, Laxosa, Mon., Negral, Penela, Rábade, Samos3, Veste., Vilaf.).
1308 **gorgueiro** *s.m.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Parade.).
1309 **margarida** *s.f.* Pel que colga do pescozo das vacas. (Arzón, Dum., Macei., Toba, XER).
1310 **margharida** *s.f.* Ver MARGARIDA /1309. (Abe., Dum., Morai.).
1311 **margharita** *s.f.* Ver MARGARIDA /1309. (Abe.).
1312 **marmela** *s.f.* Papada da vaca. ERG dálle só o significado de "mamella, cada uno de los apéndices ovalados que cuelgan del cuello de las cabras". (CarbCo., Cerd1, Cerd2, Fol-C, Gaxate, LG, Mour1, Nove2, PCal2, Peroxa, Verdu., Xeve).
1313 **mermela** *s.f.* Ver MARMELA /1312. (Viso1).
1314 **papada 1** *s.f.* Prego da pel que vai das queixadas ó peito. (Común).
1315 **papadela** *s.f.* Ver PAPADA 1 /1314. (LG, MCouso).
1316 **papeira 2** *s.f.* Ver PAPADA 1 /1314. (Caa., Com1, Damil, Frei., Goián, Lava., Laxe, Marín, Mira., Toba, VFrore.).
1317 **papo 2** *s.m.* Ver PAPADA 1 /1314. (Cal., Enxames, Gro1).
1318 **pirindiengle** *s.m.* Pel que colga no gando vacún por baixo do pescozo. (Goián, Goián2).
1319 **sabugo 4** *s.m.* Barbela. (Cubi2, Oirán).
1320 **samago** *s.m.* Barbela. (Cubi2).
1321 **sogheira** *s.f.* Barbela. (Baíñas).
1322 **volante** *s.m.* Barbela. (Crendes).
1323 **xorxeira** *s.f.* Ver GORGUEIRA 1 /1307. (Pade.).
1324 ***barbelleira** *s.f.* Ver BARBADA 1 /1283. (Arca).
1325 ***barbilla 1** *s.f.* Ver BARBADA 1 /1283. (Com1, Feás-A, Laxe, Mon., Nove., Razo, SComba. ILG:41 (C:35, PO:6)).
1326 ***barbilleira** *s.f.* Ver BARBADA 1 /1283. (Arzúa2, Arzúa4, Medín, Nove., Pre.).
1327 ***barbillo 1** *s.m.* Ver BARBADA 1 /1283. (Cam1, Casal., Gro1, Lampón, LG, Miñor2, Noalla3, Ribe1).
1328 ***barbillón 1** *s.m.* Ver BARBADA 1 /1283. (Com1).
1329 ***berbillo** *s.m.* Ver BARBADA 1 /1283. (Cam2).
1330 **gordura da papada** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Acúmulo de graxa que se forma na papada. A nosa fonte defínea como "carne do pescozo". (Noal).

2.3.12. A cruz

É a rexión do corpo correspondente ás cartilaxes de prolongación das escápulas e marca o remate do pescozo e o principio do lombo. Nos animais non especializados, é dicir, nas razas ou variedades rústicas, sobresae máis ou menos notablemente da liña dorsal, mentres que nos animais selectos non é así, buscándose unha cruz pouco destacada, arredondada e chea.

1331 **aghulla 1** *s.f.* Ver AGULLA 1 /1332. Os nosos informantes inclúen esta denominación como "omoplata". (Casal., Noal, Rama., Santi., Sofán).
1332 **agulla 1** *s.f.* Cruz, parte do corpo situada entre o pescozo e o lombo, por riba das patas dianteiras. (Alence, Carde., Piñe., Vilaf., Vrei.).
1333 **agullas** *s.f. pl.* Ver AGULLA 1 /1332. (Abadín, Carr-C).
1334 **cachazo 3** *s.m.* Ver CRUZ 1 /1335. (XLF).
1335 **cruz 1** *s.f.* Rexión do corpo sobresaínte na altura do lombo e que asenta sobre as apófises espiñosas das primeiras vértebras dorsais. (XLF).
1336 **ombros** *s.m. pl.* Rexión da cruz correspondente ás cartilaxes de prolongación das escápulas. (Cam1).

1337 **cruz das patas d'adiante** *s.comp.f.* Ombreiros, parte superior das patas dianteiras correspondente á cartilaxe de prolongación da escápula. (Baltar).

2.3.13. O lombo

Chamamos lombo á rexión do corpo que asenta sobre a columna vertebral. A liña dorso-lumbar debe ser horizontal, ancha, plana e musculada. Tamén nesta rexión hai diferenzas entre animais rústicos e animais seleccionados: naqueles o lombo está afundido mentres que nestes é marcadamente horizontal. De feito, para a inscrición no rexistro do Libro Xenealóxico esíxese que a diferenza entre a alzada na cruz e á entrada nas ancas non sexa superior ós dous centímetros.

1338 **carrelo** *s.m.* Espiñazo. (Cod., ERG, Ped1, Vixoán.).
1339 **carriñouzo** *s.m.* Espiñazo da vaca. (Alence, Lan.).
1340 **carrizo** *s.m.* Espiñazo da vaca. (Bolo, Cunt2, Lobe., Penela).
1341 **cernilla 1** *s.f.* Espiñazo da vaca. (Mon.).
1342 **cerniz** *s.m.* Ver CERNIZO /1343. (Incio).
1343 **cernizo** *s.m.* Espiñazo. (ERG, Piñei2, PSil, VFrore.).
1344 **cerreguizo** *s.m.* Ver CERRIZO /1345. (Quiro.).
1345 **cerrizo** *s.m.* Avultamento lineal que no lombo produce a columna vertebral. Designa tamén o conxunto das vértebras e dos correspondentes músculos. (Arme., Baltar, Carbal., Carr-G, Cerd2, Chan., CReis2, Dozón, ERG, Gud5, Lagar., LCA2, Meir., Nove2, Peroxa, Rendal).
1346 **cerro** *s.m.* Espiñazo da vaca. (Guil2).
1347 **espiño** *s.m.* Lombo. (Noalla3).
1348 **esteos** *s.m. pl.* Lombo do animal, o seu desenvolvemento no lombo. *Este boi tèn bos esteos*. (ERG).
1349 **lomba** *s.f.* Lombos. *Boi cadeirudo e de lomba ancha, ao seu dono saca da lama*. (VLLM).
1350 **lombada** *s.f.* Rexión dorsal do boi. (Lugo).
1351 **lombelo** *s.m.* Espiñazo da vaca. O *Glosario de voces galegas de hoxe*, do que quitamos esta información -excepto o caso de Lousame-, especifica que se aplica especialmente ó porco. (Com1, Dum., Lous., Mez., Nove., Per., SComba, Toba, Xun.).
1352 **lombelos** *s.m. pl.* Conxunto das vértebras lumbares e dos correspondentes músculos. (Común).
1353 **lombo 1** *s.m.* Rexión dorsal e lumbar. ERG especifica que vai "desde la cruz a la grupa". (Común, ILG:33 (C:15, OU:3, PO:14, GExt.:1)).
1354 **lumbelo** *s.m.* Espiñazo. (Com1).
1355 **lumbelos** *s.m. pl.* Ver LOMBELOS /1352. (Com1, Ctel1).
1356 **llombo** *s.m.* Espiñazo da vaca. (Fol-LE, Vill-O).
1357 **mesa 1** *s.f.* Parte do lombo da vaca anterior á cruz dos cadrís. (Cab., Cre., Gud., Mez., XER).
1358 **raxo 3** *s.m.* Lombo da vaca. (San.).
1359 **reaz** *s.m.* Espiñazo dos animais. (Ibias1).
1360 **reñaz** *s.m.* Espiñazo dos animais. (Ibias2).
1361 **res 2** *s.f.* Espiñazo da vaca. Crespo Pozo dálle o significado de cruz do espiñazo. ¿El virá de *rens*? (Baltar, CP).
1362 **rilada** *s.f.* Ver RILES /1363. (ERG).
1363 **riles** *s.m pl.* Rexión lumbar, que asenta sobre os riles. (ERG).
1364 **riñón 2** *s.m.* Espiñazo da vaca. (Cang2).
1365 **riñonada** *s.f.* Rexión do lombo onde están situados os riles. A nosa fonte en Allariz defíneo como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre". (Alla2, Burela1).
1366 **roñón 2** *s.m.* Ver RIÑÓN 2 /1364. (Gui.).
1367 **sarnizo** *s.m.* Ver CERNIZO /1343. (Dis., Incio1, VFrore.).
1368 **sarrañizo** *s.m.* Ver SERRÓN DO LOMBO /1383. (Incio1).
1369 **sarrañouzo** *s.m.* Ver SERRÓN DO LOMBO /1383. (Quiro.).
1370 **sarriñouzo** *s.m.* Ver SERRÓN DO LOMBO /1383. (Samos3, Vixoán.).
1371 **sarrizo** *s.m.* Espiñazo moi visible nun animal fraco. Ver SERRÓN DO LOMBO /1383. (Camba, Chan., Laiosa, Lemos, Piñe., Sisto, Vedra, Veste., Vrei.).
1372 **sernizo** *s.m.* Ver CERNIZO /1343. (Ver1).
1373 **serriñouzo** *s.m.* Ver SERRÓN DO LOMBO /1383. (Incio1).
1374 **serrizo** *s.m.* Ver SERRÓN DO LOMBO /1383. (ERGa).
1375 **serro** *s.m.* Ver SERRÓN DO LOMBO /1383. (Vxoán).
1376 **zarrizo 1** *s.m.* Ver CERRIZO /1345. (Dúas, ERG, Fol-C, LCA2, LimiaB, Peno., Piñor, Ram., Sabu2, Somo1).
1377 **zorrizo** *s.m.* Ver CERRIZO /1345. (Gaxate).
1378 **cerrizo do lombo** *s.comp.m.* Espiñazo da vaca. (MCouso).
1379 **cerro do lombo** *s.comp.m.* Espiñazo da vaca. (Valad2).
1380 **raia do lombo** *s.comp.f.* Espiñazo da vaca. (Oza).
1381 **serracil do lombo** *s.comp.m.* Ver SERRÓN DO LOMBO /1383. (Cadrón).
1382 **serro do lombo 1** *s.comp.m.* Ver SERRÓN DO LOMBO /1383. (Carr-C, Mour1, Ribe2, Xeve).
1383 **serrón do lombo** *s.comp.m.* Espiñazo. A metáfora nace de que os vultiños que marcan as vértebras evocan os dentes dun serrón. (Caa., Rib-S).
1384 **acanalado** *adx.* [Lombo] gordo dun animal que deixa unha canle ó longo do espiñazo. (ERG).

Boi cadeirudo e de lomba ancha ao seu dono saca da lama. (VLLM:1,133) [422]
Boi, corvo; burro, combo; e cabalo, fondo. (ERG:boi) [423]

2.3.14. Os cadrís

Rexións sobresaíntes a ámbolos lados das ancas que asentan sobre as tuberosidades coxais do óso ilio. A liña imaxinaria que une estes dous saíntes forma coa liña dorsal, marcada polas apófises espiñosas das vértebras, unha cruz denominada *cruz dos cadrís*.

1385 **cadeira 1** *s.f.* Ver CADRIL 1 /1387. En plural recólleo Noal. (Bolo, Noal, Peno., Troán1).

1386 **cadrices** *s.m. pl.* Cadrís. Supoñemos que se trata dun plural secundario (coma *reises* sobre *reis*) e ultracorrección de seseo. (Com4, Rus).

1387 **cadril 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Rexión sobrasaínte da cadeira que asenta sobre as ás do óso ilio. Úsase case sempre en plural. En plural, na forma *cadrís*, recólleno Antas3, Aranga, Arca., Ben., Boi., Buga-N, Burela1, Caa., Camba, Carde., Carño2, Cast., Ces., Cubi2, Culle., Cur1, Eixo, Fre., Fuxás, Gui., Lago, Laiosa, Laraxe, Leir-A, Lendo, Lobe., Medín, Neda, Oirán, Oroso2, Oza, PCal2, Pade., Pre., Razo, Rendal, Santi., Sofán, Vala1, VFrore., Vmaior. Incluímos dúas localizacións (Baña2 e Nove2) que definen *cadril* como bésta, cousa evidentemente falsa. Recollen a forma *cadriles* en Alla2, Borre., CP, Callo., Carr-C, Estr3, MCouso, Mour., Peroxa, Rama., Rib-E, Ribad., Salv3, Sisto, Somo1, Tabor., Vala., Verdu., Vxoán., Xeve, Xudan1. Recollen a forma *cadrils* en TapiaC, Vcova. Finalmente, Covas e Figue2 recollen a forma *cadrises*, que consideramos un plural secundario sobre *cadrís*, coma *reises* sobre *reis*. (Común, ILG:93 (C:43, LU:9, OU:4, PO:37)).

1388 **calzón 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cadril. Respectámo-la fonte pero podería que ser que fose máis ben un avultamento patolóxico nos cadrís. (Crendes).

1389 **coadril** *s.m.* Ver CADRIL 1 /1387. En plural, *coadrís*, recólleno Gun. e Mon. (Cere., Gun., Mon., Sete-L).

1390 **codril** *s.m.* Ver CADRIL 1 /1387. En plural recólleno Gun., Negral. e Vi-Val. (Codeso., Damil, Gun., Negral, Vi-Val., Zolle).

1391 **croca 4** *s.f.* Cadril. Respectámo-la fonte pero supoñemos que se trata máis ben da carne da rexión glútea, sobre os cadrís. (Car2, Vnova2).

1392 **cuadril** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CADRIL 1 /1387. Recollen a forma de plural *cuadrils* en Alence, Barre., Burón, Cal., Enxames, Goián, Gud5, Gui., Incio, Meira2, Mez., Mra., Pantón, Ped1, Per., PSeca, PSil, Rábade, Samos3, Suarna, Taboa., Ver1, Vil., Vrei. Recollen a forma *cuadriles* en Caban. e Piñor. Sabu2 escribe *cuadrí*. En PSeca din que *cuadrís* son béstas. Gud5 define como "riles" pero probablemente hai que entendelo como "zona próxima ós riles". (Común: Amandi, Burgo, Cang2, Carbal., Carr-G, Cerd2, Chan., Dis., Fara., Fol-C, Goián2, Lamas, Melias, Mez., Piñe., Piñei2, Randu., Rib-S, Sabu3, Veste.).

1393 **cuadrileira** *s.f.* Cadrís. (Piquín).

1394 **mazá 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Cadril. A nosa fonte recólleo en plural. En galego dáselle o nome de *mazá* ou *mazán* a calquera avultamento: así o avultamento que os mamíferos teñen na parte anterior da larinxe, cartilaxe tecnicamente coñecida como cricoide, leva o nome de *mazá de Adán*; nalgures tamén se denominan *mazás* os castelares dos xugos e mailos pomos das empuñaduras das espadas (lémbrese que *pomo* e *poma* significan orixinalmente "mazás" e de aí *Pomareda* e *Pumariño*). Pois, do mesmo xeito, dáselle o nome de *mazá* e tamén *mazá dos cadrís* ó avultamento que aquí se comenta, probablemente pola impresión superficial pero metafórica de que baixo a pel houbese unha poma ou mazá. É obvio que ós bovinos non se lles percibe o cricoide pola abundante papada que o oculta. (Arroxo).

1395 **mazán 1** *s.f.* Ver MAZÁ 4 /1394. (Noalla).

1396 **orxal** *s.m.* Cadril. ¿Será erro por *coxal*? (Lañas).

1397 **quixotes** *s.m. pl.* Cadrís dos animais. (Vald.).

1398 **reirís** *s.m. pl.* Cadrís. (ERG).

1399 ***manzanas** *s.f. pl.* Ver MAZÁ 4 /1394. (Vill-O).

1400 **mazá do cuadril** *s.comp.f.* Avultamento correspondente á articulación do fémur co ilio. Aníbal Otero, s.v. *mazá*, defíneo erronamente como a "articulación del fémur con la clavícula". Debemos explicar que a *clavícula* pertence á extremidade anterior, formando parte da cintura escapular, entre o esterno e a escápula, e que, por parte, os bovinos carecen de clavícula. (Piquín).

[422] Llópiz explica que *sacar da lama* significa sacar a alguén dunha situación comprometida. Recólleo en Campos de Vila (Quiroga).

[423] Son tres boas aptitudes nestas especies: un boi co lombo corvo (convexo) turra mellor do arado ou do carro; un burro combo (cóncavo) permite mellor a monta e a carga e un cabalo fondo (de peito amplo) será máis resistente.

1401 **ósos do cadril** *s.comp.m. pl.* Cadrís. (Abadín, Arzón, Ced., Cubi2, Laxosa, Mira., Mondo1, Parga, Penela, Vixoán.).

1402 **oxo da traxeira** *s.comp.m.* Cadril. Respectámola fonte escrita, aínda que nos parece que ben puidera ser defecto de pronunciación. (Ribó).

1403 ***güeso dos cadrís** *s.comp.m.* Cadril. (Caa.).

2.3.14.1 O recadén

Terzo posterior do animal, tamén chamado *anca* ou *ancas* [424]. A rexión asenta sobre o óso sacro e os ósos da pelve, e está limitada por diante pola liña que une os ósos do cadril (tuberosidades coxais) e por detrás pola liña que une as tuberosidades isquiáticas, inmediatamente antes do necemento do rabo. Nesta zona asentan as maiores masas musculares da vaca, os músculos glúteos.

As ancas deben se-lo máis horizontais posible, amplas, cadradas e musculadas. Os becerros cuóns presentan un desenvolvemento excesivo desta rexión, propio deste carácter xenético (véxase o que dicimos sobre estes becerros en 3.1.6.).

1404 **aghullas** *s.f. pl.* Cruz formada polos ósos da cadeira e do espiñazo. (Beman.).

1405 **cadril 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cruz formada polos ósos da cadeira e do espiñazo. (Baíñas, CP).

1406 **cruceta** *s.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Laxe).

1407 **crus** *s.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Abe., Anca, Arzón, Camba., Ces., CTui, Culle., Cunt2, Gro4, Leir-A, Macei., Peroxa, Randu., Rendal, Somo1, Suevos).

1408 **cruz 2** *s.f. Ú. t. en pl.* Rexión ou punto de unión no que conflúen cadeira e espiñazo. *Está roto da cruz. Ten a cruz baixa*. En plural recólleno Bar-Co., Carño2, Dozón, Gaxate e Verdu. (Bar-Co., Cam1, Carño2, Carr-G, Cod., Dozón, Fara., Feás-A, Frei., Gaxate, Lamas, Lobe., Noalla3, PSeca, Toba, Verdu., Xudán1, Xun., Xun2).

1409 **cuadrilo** *s.m.* Cruz formada polos ósos da cadeira e do espiñazo. (Val-LE).

1410 **mesa 2** *s.f.* Parte alta do zanco da vaca. (Gud5).

1411 **noca 2** *s.f.* Cruz formada polos ósos da cadeira e do espiñazo. A fonte escribe *nóca* para indicar -cremos- vogal aberta. (Guil2).

1412 **recadén 5** *s.m.* Redondeza dos cadrís, ancas dos bovinos. (ERQ, Gro1).

1413 **rens 2** *s.m. pl.* Cruz dos cadrís. (ERG).

1414 **traseira** *s.f.* Terzo posterior dunha vaca. (Com4, Feás-A, Gud.).

1415 ***silla** *s.f.* Cruz formada polos ósos da cadeira e do espiñazo. Sospeitamos que esta tal *silla* é o lombo, a rexión dos riles, máis ou menos afundida a modo de *silla de montar*. (Cubi2).

1416 **cadeira interior** *s.comp.f.* Cruz formada polos ósos da cadeira e do espiñazo. (Lagar.).

1417 **carto d'atrás** *s.comp.m.* Rexión traseira da vaca. A nosa fonte escribe *carto datrás* e defíneo como bésta. (Abe.).

1418 **crus d'atrás** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. Vcova. di literalmente *cruos de atrás* pero Lous. (que tamén corresponde ó mesmo concello) di *crus dos cadriles* polo que coidamos que aquel *cruos* é unha errata. (Sisto, Vcova.).

1419 **crus da cadeira** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Abe.).

1420 **crus da ren** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Estr4, Rib-E).

1421 **crus da rens** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Callo., Couso, Dúas, Morga., Noalla, Somo2, Valad2, Viso1, Viso2).

1422 **crus da traseira** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Medín).

1423 **crus das cadriles** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Nove2).

1424 **crus das crocas** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Vnova2).

1425 **crus das rens** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Agro., Callo.).

1426 **crus do cadril** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Negr2, Neves2).

1427 **crus do espiñaso** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Negr2, Rama.).

1428 **crus do lombo** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Covas, Cruído, Lucí, Neda, Ortoño, Vmaior.).

1429 **crus do *riñón** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Lampón, Vxoán.).

1430 **crus dos cadriles** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Anseán, Borre., Cang2, CarbCo., Corb., CReis2, Estr3, Lous., Oliv., Oroso1, Ribe2, Sisán, Teo, Xeve).

1431 **crus dos cadrils** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Casal.).

1432 **crus dos cadrís** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Antas3, Barre., Cadrón, Dis., Fol-LE, Fre., Laiosa, Mour1, Rib-E, Rib-S, Saiar, San., Tab1, Troán1, Val-LE. ILG (C:59)).

1433 **crus dos cadrises** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Cam4, Figue2, TapiaC).

1434 **crus dos cuadrís** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Pedro.).

1435 **cruz da res** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Fol-C, Peno.).

1436 **cruz da traxeira** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Ribó).

1437 **cruz das agullas** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Razo).

1438 **cruz del cadril** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Vill-O).

1439 **cruz do cuadril** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Carbal.).

[424] Por veces denomínase co castelanismo *grupa.*

1440 **cruz do lombo** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. A nosa fonte de Cod. define, cremos que erroneamente, como "parte central do lombo". (Busta., Cod., Sabu3).
1441 **cruz dos cadrís** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Caa., Cab., Ced., Com1, Cre., Cur., Gui., Incio, Razo, SComba, Sob., Vala. ILG:24 (C:2, LU:19, OU:3)).
1442 **cruz dos coadrís** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Mon.).
1443 **cruz dos codrís** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Negral).
1444 **cruz dos cuadriles** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Melias, PSil).
1445 **cruz dos cuadrís** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Burón, Cal., Cere., Chan., Consta., Mra., Ped1, Piñe., Rábade, Samos3, Suarna).
1446 **cruza dos cadrís** *s.comp.f.* Ver CRUZ 2 /1408. (Vrei.).
1447 **cuartos d'atrás** *s.comp.m pl.* Rexión posterior da vaca. (Noal).
1448 **ósos da crus** *s.comp.m. pl.* Ver ÓSOS DA CRUZ /1449. (Pal.).
1449 **ósos da cruz** *s.comp.m. pl.* Cruz formada polos ósos da cadeira e do espiñazo. (PSeca).
1450 **tellado do lombo** *s.comp.m.* Cruz formada polos ósos da cadeira e do espiñazo. (Vmaior).

Boi cadeirudo e boas illargas, saca ao seu dono da lama. (VLLM:1,133) [425]
Boi cadeirudo e de lomba ancha ao seu dono saca da lama. (VLLM:1,133)
Boi cadriludo e de costas anchas ao seu dono saca da lama. (VLLM:1,133) [426]

2.3.14.2. A rabadilla

Denominación popular do nacemento do rabo, que ten como base anatómica o óso sacro e as primeiras vértebras coccíxeas. Nas razas rústicas adoita tomar unha forma curva, a modo de caxato, carácter a corrixir na selección gandeira.

1452 **alcatra** *s.f.* Rabadilla da vaca. LG define *alcatras* e mais *alcatrías*, como "os traseiros da vaca". (LG, Mez.).
1453 **alcatría** *s.f.* Rabadilla da vaca. (LG, Ram.).
1454 **croa 1** *s.f.* Ver CROCA 1 /1455. (Abe.).
1455 **croca 1** *s.f.* Rexión do corpo que asenta sobre o óso sacro, na que remata o espiñazo e comeza o rabo. FMS di que deriva do latín *crucem*. (Común).
1456 **crouca 1** *s.f.* Ver CROCA 1 /1455. (Com1, Dum.).
1457 **cuada 1** *s.f.* Rexión do corpo que asenta sobre os ósos do nacemento do rabo. (VFrore.).
1458 **derrabada 1** *s.f.* A nosa fonte define como "rexión do corpo que asenta sobre os ósos do nacemento do rabo". Poida que realmente estivesen denominando unha vaca sen rabo ou co rabo afundido. Ignoramos se se trata dun substantivo ou dun adxectivo, pero o certo é que co nome de *rabada* se designa unha peza de cortadoría que se quita da cadeira. (Cang3, Neves2).
1459 **noca 1** *s.f.* Rexión do corpo que asenta sobre os ósos do nacemento do rabo. (Gaxate, Guil2, Mosen., Valad1, Viso1).
1460 **polpa** *s.f.* Masa muscular próxima ós ósos do nacemento do rabo. (Buga-A).
1461 **rabadilla 1** *s.f.* Rexión do corpo que asenta sobre o óso sacro. (Común).
1462 **rabeira 2** *s.f.* Rexión do corpo que asenta sobre os ósos do nacemento do rabo. (PSeca).
1463 **rabela** *s.f.* Ver RABEIRA 2 /1462. (Camba).
1464 **rabicha** *s.f.* Ver RABEIRA 2 /1462. (CarbCo).
1465 **rabuxa** *s.f.* Ver RABEIRA 2 /1462. (Carr-G).
1466 **rodela 2** *s.f.* Rexión do corpo que asenta sobre os ósos do nacemento do rabo. (Fózara).
1467 ***nuca** *s.f.* Ver NOCA 1 /1459. (Morga.).
1468 **canle do lombo** *s.comp.f.* Rabadilla. (Com1, Toba).
1469 **cotobelo do rabo** *s.comp.m.* Ver CROCA DO RABO 1 /1470. (Parade.).
1470 **croca do rabo 1** *s.comp.f.* Ver CROCA 1 /1455. *A 'croca do rabo' é a cabeza da cauda. A pega posou-se no cimo da croca do rabo da vaca para comer-lle as moscas e os carrachos do traseiro* (Parade.:275). (Agro., Alla2, Buga-N, Caa., Cast., Cunt2, Cur., Lago, Miñor2, Oroso2, Parade., Ribe2, Rus, SComba).
1471 **noca do rabo** *s.comp.f.* Ver NOCA 1 /1459. (Rama.).
1472 **nouca do rabo** *s.comp.f.* Ver NOCA 1 /1459. (Vcova.).
1473 **ósos da rabadilla** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Óso sacro. Realmente a fonte di *cabadilla* que supoñemos erro que non debemos multiplicar. (Fózara).
1474 **caída de augas** *loc. s.* Rabadilla. (Ram.).

[425] Llópiz explica que *sacar da lama* significa sacar a alguén dunha situación comprometida. Recólleo en Campos de Vila (Quiroga).
[426] Recólleo en Moscoso do sacerdote S. Otero. O refrán recolle o feito de que o aumento do volume torácico proporciona unha maior resistencia ante calquera esforzo.

2.3.15. O peito

O peito é a rexión anterior do tronco e comprende a unión das dúas extremidades dianteiras e a parte inferior do pescozo. A base anatómica correspondente é a cabeza do esterno, os músculos pectorais e un acúmulo adiposo e conxuntivo.

Nos animais de produción cárnica os músculos pectorais están máis desenvolvidos e o peito é ampuloso e destacado. Nos animais de produción láctea o peito é máis estreito.

1475 **peito 1** *s.m.* Rexión do esterno ou parte anterior do tórax. En plural recólleno Damil e Laxosa. Algunhas das nosas fontes (Consta., Lous., Lucí, Meir., Mira., Morai., Valad2, Vtose.) danlle o significado de "parte superior da patas". Nós coidamos que se trata dun erro evidente porque non nos parece posible que lle chamen *peito* a esta rexión. (Común).

2.3.16. As costas

Corresponden ás paredes laterais do tronco, sobre as costelas. Esta rexión está limitada por riba polo lombo, por baixo polo esterno e a rexión abdominal, por diante pola rexión escapular das mans e por detrás polos illares. A presenza dunhas costelas amplas e abertas, que dan lugar a unha caixa torácica alta, ampla e profunda, é unha característica a seleccionar.

1476 **costas 1** *s.f. pl.* Rexión corporal que asenta sobre as costelas. (Común).

1477 **faixa 3** *s.f.* Rexión das costelas. Véxase o que dicimos en 8.3.5. falando da glosopeda. (Noal).

1478 **peito 2** *s.m.* Caixa torácica. (Pal., Vixoán.).

1479 **zarrizo 2** *s.m.* Rexión das costas. Xaquín Lorenzo engade que "noutros lados, o espiñazo". (Lobi1).

Boi cadriludo e de costas anchas ao seu dono saca da lama. (VLLM:1,133)

2.3.17. Os illares

Son dúas rexións triangulares e afundidas a ámbolos dous lados do corpo, limitadas anteriormente pola última costela, superiormente polas apófises transversas das vértebras lumbares e posteriormente polo óso ilio.

1480 **abarca** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca da vaca. (Com1, CP, ERG, Fuxás, Nove2, Pre.).

1481 **abelleira 2** *s.f.* Fosa ilíaca. A nosa fonte anota *avelleira*. ERG, definindo a voz *abillar*, dá este significado: "Introducir una BILLA o instrumento quirúrgico, para facilitar o para impedir el paso de un líquido por un conducto del cuerpo" e cita un texto de Xavier Prado *Lameiro*, que di ser da obra titulada *Monifates* pero que encontramos baixo o título *Todo tèn goberno*. Copiamos da edición orixinal: *O médeco dixo, en cabo, que había nacesidade d'avillal-a. Que había que lle tiral-as augas, e que se non podía agardar nin día máis* (PL9:154). Pensamos que a punción da panza co trócar corresponde perfectamente á definición que ERG dá da voz *abillar* e parécenos posible que chamarlle *abelleira* á fosa ilíaca naza da intervención que se fai precisamente nela. (Ribad.).

1482 **adarca** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ABARCA /1480. (CP).

1483 **adarga** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ABARCA /1480. (CP).

1484 **arca 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Illarga. O noso informante en Burgo dáo en singular. (Burgo, Consta., CP, ERG).

1485 **arvagha** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. Parece un caso evidente de rotacismo por *as vaghas*. (Carr-C).

1486 **auga 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. O noso informante en Ramirás recolleu *caída de augas* para denomina-la rabadilla. (Com4).

1487 **avagha** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. A fonte escríbenolo con be pero supoñemos que é con uve (do lat. *vacuas*). (Agro., Teo).

1488 **braga 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. ¿El será unha deformación de *vagas* ó facerse opaca a orixe de *vacuas*? Dis. escribe *la braga*, se cadra por eufemismo. (Burela1, Dis.).

1489 **cacha 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. Temos dúbidas de se non se referirá ás coxas. (Lous.).

1490 **calsón 2** *s.f. Ú. m. en pl.* O noso informante define como "fosas ilíacas". Sospeitamos que os tales *calsóns* non teñen nada que ver coas fosas ilíacas, pero así nolo presenta a nosa fonte. Como se verá na epígrafe 8.6.7., *calzóns* designa un vulto que lles sae ás vacas onda a rótula, a escasa distancia das fosas ilíacas. Pode ser que neste caso (coma, se cadra, noutros máis) ou o informante aludiu a unha

zona sen moita precisión ou o colector non entendeu ó informante. É sospeita que se nos presenta con algunha frecuencia ante o que nos din as fontes escritas que manexamos. (Ribe2).

1491 **cordieira 3** *s.f. Ú. m. en pl.* O noso informante define como "fosas ilíacas". Ver explicación a CALSÓN 2 /1490. (CarbCo.).

1492 **cova** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. A fonte escribe *cobas* reflexando o betacismo galego. (Abe.).

1493 **foca** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. (Com1, Ortoño).

1494 **fondeira** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. (Covas).

1495 **fonte 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. (Damil, Mira.).

1496 **fran** *s.m. Ú. m. en pl.* Fosas ilíacas. (Carb3, Lañas, Lendo, Lestón, Noice., Razo, Sofán).

1497 **furacada** *s.f.* Fosa ilíaca. (Xun.).

1498 **furada** *s.f.* Fosa ilíaca. (Ced.).

1499 **illar** *s.m.* Ver ILLARGA /1501. En plural recólleno Caa., Cab., Ces., Cur., Feás-A, Gui., Leir-A, Medín, Mel1, Nove., Parga, Pedro., Rendal. CP dá o pl. *illaes*. (Caa., Cab., Ces., CP, Cur., Feás-A, Gui., Leir-A, Medín, Mel1, Nove., Pade., Parga, Pedro., Rendal, Ribe1, Santi., Vmaior.).

1500 **illarda** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ILLARGA /1501. (Estr3, Vi-Val).

1501 **illarga** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. En plural recólleno Abadín, Arroxo, Baltar, Baña2, Ben., Boi., Bolo, Callo., Camba, Carr-G, Carño2, GB2, Penela, Peno., Rib-E, Sisto, Tab3, VFrore., Veste., Vilar., Xudán1. *Pro esquecíase de que pra chegar por alí ó rigueiro había que pasar un groto, que por tempo seco dábase pasado, ende coas chuvias avivecía de tal xeito, que o gando enterrábase hastra as illargas e a xente hastra arriba dos nortellos* (GB2:248). Rivas Quintas menciona tamén o uso desta voz co significado de lateral, costado, doutras realidades físicas: *a illarga da iglesia de Santo André de Rante*, recollido en Ourense en 1484 (ERQ2:85). (Abadín, Aranga, Arroxo, Baltar, Baña2, Ben., Boi., Bolo, Burón, Callo., Camba, Carde., Carño2, Carr-G, Com1, CP, Cur., ERG, GB2, JMP, Laxe, Mez., Ped1, Penela, Peno., Rib-E, Sisto, Sob., Suarna, Tab1, Toba, Veste., VFrore, Vil., Vilar, VLLM, Xudán1).

1502 **illargada** *s.f.* Costado. Nos lindes das fincas dáselle este nome ós lados opostos ou costados en relación cos outros que son a *fondeira* e a *cabeceira*. Estas denominacións son moi correntes en documentos antigos escritos en galego. (Arcos).

1503 **illargha** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ILLARGA /1501. As nosas fontes adoitan escribir *illarjas*. (Anca, Beman., Cang3, Cervá1, Cervá2, Codeso., Conxo, Estr4, Fózara, Mour1, Neda, Neves2, Oliv., Peroxa, Pravio, Ribe1, Ribó, Sende., Valen., Xeve).

1504 **illó** *s.m.* Ver ILLARGA /1501. (Gud.).

1505 **incha 2** *s.f.* A nosa fonte defíneo como "fosa ilíaca". (Corb.).

1506 **lacertón** *s.m.* Fosa ilíaca. (Rib-S).

1507 **llarga** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ILLARGA /1501. (Troán1).

1508 **naviga** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. (Alla2).

1509 **ollal 1** *s.m.* Fosa ilíaca. (Com1, Com4).

1510 **ollar 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. (Poulo, Vviño).

1511 **sillar** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver ILLAR /1499. (Arzúa2, Medín).

1512 **ullar** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver ILLAR /1499. (Cur1).

1513 **vacío 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. Recólleno en plural Cam1, Cam2, Com1, Gro4, Gud., Gud5, SComba, Salv3, Vala., Xun2 e mailas fontes do ILG. *Voume pra casa, que o ghado xa encheu os vacíos* (Xun2). Algúns dos nosos informantes definen esta voz como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre". Ribad. e Guil2 defíneno como "carne do ventre", que loxicamente tamén debe designa-la rexión da que se obtén esta carne. Car2, Macei. e Valad1 escriben *vacio*; Eixo, Neves2 e Valad2 escriben *bacio*. Obviamente, en Folgoso leva o artigo *el*. (Cadrón, Cam1, Cam2, Car2, Com1, Eixo, Fol-LE, Gro4, Gud., Gud5, Guil2, Macei., Mez., Neves2, Noalla3, PSeca, Ribad., SComba, Salv3, Vala., Valad1, Valad2, Xun2. ILG:29 (C:12, LU:5, OU:10, GExt.:2)).

1514 **vacíu** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VACÍO 1 /1513. (Piñe.).

1515 **vaga** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. Ver VAGO /1518. MCouso escribe *baga*. (CP, Grixó, JMP, LCA2, MCouso, Nove2, Somo2, Tabor.).

1516 **vágado** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VAGO /1518. (CP, LCA2, Xun1).

1517 **vagha** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver VAGA /1515. As nosas fontes escriben *baja* ou *bajas*. En Carr-C os informantes recollen *arvaghas* que nos parece un caso evidente de rotacismo. Polo si ou polo non, anotamos esa grafía estraña porque normalmente as fontes non escriben o artigo que corresponde a cada substantivo. No orixinal está escrito *arbajas*. (Couso, Cunt2, Fol-C, Sisán, Verdu., Vnova2).

1518 **vago** *s.m.* Fosa ilíaca. Debe derivar do lat. *vacuum* ou cavidade baleira, concepto que está noutras variantes desta raíz. (Ced.).

1519 **van 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VAO /1520. A fonte escribe *ban* (Cast. e San.) e *bans* (Cabal). (Cabal., Cast., San., Sofán).

1520 **vao** *s.m. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. (AIA, Barre., Callo., CP, Incio, Meira2, Nove., Oirán, Oroso1, Poulo, Vixoán., Vviño.).

1521 **vasío** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VACÍO 1 /1513. Recólleno en plural Cam4, Figue2, Lucí, Morai., Negr2, Rus e TapiaC. As nosas fontes escriben *vasio* (Lous.) e *basio* (Cang3 e Rama.). (Alla2, Cam4, Cang3, Cruído, Figue2, Lous., Lucí, Morai, Negr2, Rama., Randu., Rus, TapiaC).

1522 **vasíu** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VACÍO 1 /1513. (Buga-N).

1523 **vau** *s.m.* Ver VAO /1520. A fonte escribe *bau* e *baus*. (Cre., Mondo1, Mondo2).

1524 **vaxa** *s.f. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. A fonte escribe *baxas*. (Saiar).
1525 **vougo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Fosa ilíaca. (Lan.).
1526 **vouvo 3** *s.m.* Fosa ilíaca. A nosa fonte escribe *boubo* pero cremos que esta palabra, igual que a var. *vougo*, procede do latín *vacuo* e por iso debe escribirse con dous uves. Véxase o poema *Bois burdiós* de Uxío Novoneyra no capítulo 16.1. (Cou4.). Tamén designa a panza da vaca. (Cou4, Laxosa).
1527 **cova da barrigha** *s.comp.f.* Fosa ilíaca. A nosa fonte escribe *barrija*. (Cruído).
1528 **croca afundida** *s.comp.f.* Fosa ilíaca. (Noal).
1529 **chao dos cadrís** *s.comp.m.* Fosas ilíacas ou illares. (Vala.).
1530 **fran da vaca** *s.comp.m.* Fosa ilíaca. (Sofán).
1531 **parte coghular** *s.comp.f.* Fosa ilíaca. (Lagar.).
1532 ***ghueso do antecosto** *s.comp.m.* Un dos tres ósos que conforman a fosa ilíaca. (Suevos).

Boi cadeirudo e boas illargas, saca ao seu dono da lama. (VLLM:1,133) [427]

2.3.18. A rexión abdominal

Entendemos por rexión abdominal a parte inferior do tronco dende o esterno ata o ubre ou os testículos, segundo o sexo do animal. Lateralmente está limitada polas últimas costelas e polos illares. A súa base anatómica é a masa visceral formada pola panza e os intestinos, carecendo de estruturas óseas.

Un abdome voluminoso e caído, distendido, é un carácter negativo.

1533 **baldra** *s.f.* Barriga. (ERQ).
1534 **baldroa** *s.f.* Barriga, ventre. (ERG).
1535 **bandallo** *s.m.* Ver BANDULLO 1 /1548. (Santi.).
1536 **bandofio** *s.m.* Panza da vaca. Dámoslle este significado por analoxía coas numerosas variantes que temos en panza: *bandolfo*, *bandoufa*, *bandouga*, *bandougo* etc., pero en realidade a nosa fonte defíneo como "caixa torácica". (Ribó).
1537 **bandolfo** *s.m.* Panza da vaca. ¿Esta palabra (da que parecen saídas outras coma *bandoufa*) terá algo que ver co elemento de orixe xermánica *olfo* (lobo)? É sabido que os animais carnívoros, para matar, atacan ó pescozo pero o que primeiro comen é o bandullo, a parte máis branda, ó revés das aves rapaces que o primeiro que comen son os ollos das súas preas. (Vcova).
1538 **bandoufa** *s.f.* Panza da vaca. (Fre).
1539 **bandouga** *s.f.* Panza da vaca. (Arroxo).
1540 **bandougada 2** *s.f.* Barriga. (Piquín).
1541 **bandougho** *s.m.* Panza da vaca. (Taboa.).
1542 **bandougo 2** *s.m.* Panza da vaca. (VFrore.).
1543 **bandouvada 2** *s.f.* Barriga. A nosa fonte escribe *bandoubada* pero relacionámolo coas vars. *bandolfo*, *bandoufa*, *bandouvo* e *bandougo* e por esa razón debe escribirse con uve. (Piquín).
1544 **banduio** *s.m.* Ver BANDULLO 1 /1548. A nosa fonte escribe *banduyo*. (Morai.).
1545 **bandulla** *s.f.* Ver BANDULLO 1 /1548. (Ribe2).
1546 **bandullada 3** *s.f.* Ver BANDULLO 1 /1548. (Carr-G, Gui.).
1547 **bandulleira** *s.f.* Ver BANDULLO 1 /1548. (Com4).
1548 **bandullo 1** *s.m.* Panza da vaca. (ILG:108 (PO:35, LU:19, C:40, OU:11, GExt.:3)).
1549 **barriga 1** *s.f.* Panza da vaca. En Sabu3 denominan así a carne do ventre (aínda que Sabu2 recolle *faldra*). En Lendo e Laxosa din *carne da barriga* (Ancares2, Arca, Barre., Busta., Caban., Callo., Carb3, Carbal., Carño2, Cere., Codeso., Corre., Couso, Dis., Fara., Gud., Gui., Lañas, Lendo, Lous., Meira2, Noice., Parga, Pedro., Piñe., Piñor, PSeca, Rábade, Sabu3, Sou3, Vrei.).
1550 **barrigha** *s.f.* Ver BARRIGA 1 /1549. A nosa fonte escribe *barrija*. Verdía, Verdu., Viso2, Vxoán. En Caa. e Medín *carne da barrija*, e en Sofán falan das *faldras da barrija*. En Medín recollen a voz *carne da barrija* como carne do ventre polo que cremos que esta voz é a rexión do corpo. (Agro., Anca, Anseán, Aranga, Borre., Caa., Carde., Cerd2, Corb., Couce., Culle., Cur1, Eixo, Enxames, Figue1, Fol-C, Fre., Lago, Lamas, Leir-A, Lestón, Medín, Miñor2, Negra., Noal, Ortoño, Oza, Pal., Rama., Razo, Rib1, Ribó, Salv3, Santi., Sende., Sisán, Sofán, Suevos, Tab1, Teo, Valad1, Valad2).
1551 **bendullo** *s.m.* Ver BANDULLO 1 /1548. (Com4).
1552 **boxo** *s.m.* Rexión abdominal. (ERG).
1553 **buche 2** *s.m.* Panza da vaca. (Cervá1, Cervá2, Damil, Rábade, Samos3, Veste.).
1554 **candullo** *s.m.* Panza da vaca. ¿El será erro por *bandullo*? (Viso1).
1555 **falda 2** *s.f.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. (Cang3, CReis2, Guil2, Mour1, Saiar).
1556 **gandullo** *s.m.* Ver BANDULLO 1 /1548. (Baña2).

[427] Llópiz explica que *sacar da lama* significa sacar a alguén dunha situación comprometida. Recólleo en Campos de Vila (Quiroga).

1557 **mandongo** *s.m.* Panza da vaca. (Lañas, Vilar.).
1558 **mandougo** *s.m.* Panza da vaca. (Meir.).
1559 **medios** *s.m.pl.* Parte do corpo da vaca comprendida entre as patas de diante e as patas de atrás. En singular recólleo XER. (Cab., Carde., Com1, Consta., Feás-A, Gui., Incio, Per1, Porto, XER).
1560 **pansa 2** *s.f.* Ver PANZA 2 /1561. (Baíñas, Buga-A, Dum.).
1561 **panza 2** *s.f.* Rexión abdominal comprendida entre as costelas e o ubre. Por semellanza dise do abdome humano moi avultado. (Carde., Ced., Cere., Corre., Cur., Frei., Gaxate, Gro4, Gud5, Lagar., Medín, Noalla, Nove2, Per1, Xudán1).
1562 **polpa 2** *s.f.* Panza da vaca. (Bidu., Calo).
1563 **romieu 1** *s.m.* Panza, rexión abdominal. (Ancares2).
1564 **tampullo** *s.m.* Panza da vaca. (Lampón).
1565 **tripa** *s.f. Ú. m. en pl.* Rexión abdominal. (Ancares2).
1566 **veldrecha 1** *s.f.* Ver VENTRECHA 1 /1569. A nosa fonte escribe *beldrecha*: *... colgante a beldrecha ou contorno do ubre* (LG). (Arca, Com1, Figue1, Figue2, LG).
1567 **veltrecha 1** *s.f.* Ver VENTRECHA 1 /1569. A nosa fonte escribe *beltrecha*. (Fara.).
1568 **ventre 1** *s.m.* Panza da vaca. (Baña2, Casal., Cur., Oroso2).
1569 **ventrecha 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. (Sofán).
1570 **ventrecha 3** *s.f.* Barriga grande. (Piquín).
1571 **ventrecho** *s.m.* Ver VENTRECHA 1 /1569. (Antas3).
1572 **ventrullo 1** *s.m.* Panza da vaca. (Consta.).
1573 **verdrecha 1** *s.f.* Ver VENTRECHA 1 /1569. (Com1, Com4).
1574 **vincha 2** *s.f.* Aínda que esta é a denominación da vexiga, a nosa fonte defíneo como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre". (Lava.).
1575 **vouvo 2** *s.m.* Panza da vaca. As nosas fontes escriben *voubo* (Alence) ou *boubo* (Laxosa) pero, por semellanza cos adx. *desvougado* e *desvouvado*, escribímolo con dous uves. (Alence, Laxosa, Piquín).
1576 ***vientre** *s.m.* Ventre. (Boi., Burgo, Caban., CarbCo., Cur., Gud., Lucí, Somo1, Zamáns).
1577 **falda baixa** *s.comp.f.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. (Neves2).
1578 **faldra da millore** *s.comp.f.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. A denominación parece afectiva e referida a unha calidade da carne. (Oroso2).
1579 **cuarto do medio** *loc. s.* Parte do corpo da vaca comprendido entre as patas. (Dozón).

2.3.18.1. A rexión umbilical

Dentro da rexión abdominal distinguímo-la *rexión umbilical*, que comprende o embigo e a zona inmediata. Agruparemos aquí as voces que recolle o cuestionario do ILG como *parte do ventre inmediata ó ubre*.

Nesta zona destacan as veas mamarias, das que falaremos máis adiante.

1580 **ambigheira** *s.f.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. (Camba).
1581 **ambigueira** *s.f.* Ver EMBIGO 2 /1587. (Pentes1, Vil.).
1582 **anteubre** *s.m.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. (CTui).
1583 **braga 2** *s.f.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. (Burón, Ced., Feás-A, Gui., Gun., Incio, Mel1, Vala., XER).
1584 **embigheira** *s.f.* Rexión umbilical. As nosas fontes escriben *embijeira* (Gaxate, Negra.) e *embigeira* (Verdu.). (Gaxate, Negra., Verdu., Xun2).
1585 **embigho** *s.m.* Ver EMBIGO 2 /1587. As nosas fontes escriben *embigho* (Mon.) e *envigho* (Baíñas e Negr2). (Baíñas, Grixoa, Macei., Miñor2., Mon., Negr2).
1586 **embighueira** *s.f.* Rexión umbilical. (Arca, Lama, Sou3).
1587 **embigo 2** *s.m.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. Lous. escribe *envigo*. (Com1, Gro4, Lous., Sabu3).
1588 **embligho** *s.m.* Ver EMBIGO 2 /1587. A nosa fonte escribe *emblijo*. (Lagar.).
1589 **entripado 2** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre". (Consta.).
1590 **esponxas** *s.f.pl.* A nosa fonte defíneo como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre". (Cam4).
1591 **imbrigheira** *s.f.* Ver EMBIGO 2 /1587. A nosa fonte escribe *imbrijeira*. (Rama.).
1592 **manoxo** *s.m.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. (Lendo.).
1593 **ombrigho** *s.m.* Ver EMBIGO 2 /1587. A nosa fonte escribe *ombrijo*. (Rus).
1594 **pisalleira 1** *s.f.* Rexión umbilical. (Pont.).
1595 **sobreleite** *s.m. Ú. m. en pl.* Carnosidade que aparece por veces diante do ubre. (LG).
1596 **sufraxe 2** *s.m.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. (Suarna).
1597 **ubrada 2** *s.f.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. (Carr-G).
1598 **umbigho** *s.m.* Ver EMBIGO 2 /1587. A nosa fonte escribe *umbijo*. (Vviño.).
1599 **umbigo 2** *s.m.* Ver EMBIGO 2 /1587. (Razo).
1600 **verga 2** *s.f.* Os nosos informantes definen como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre". (Laxe, XER).
1601 ***empeine da barriga** *s.comp.m.* Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre. (Viso1).

2.3.18.2. O embigo

O embigo é a cicatriz residual do cordón umbilical polo que se alimentaba o feto durante a xestación. Nos becerros acabados de nacer aparece normalmente avultado, momento no que representa unha perigosa vía de entrada ás infeccións microbianas, pero ó pouco tempo faise pouco ou nada aparente ata o punto de que nos adultos non é fácil atopa-la cicatriz umbilical.



Becerro co embigo aínda sen cicatrizar, na feira de Santiago.

1602 **beligo** *s.m.* Embigo. (Burón, Drago., Ped., Suarna).
1603 **biligo** *s.m.* Embigo. (Piquín).
1604 **embigo 1** *s.m.* Cicatriz ou rexión umbilical. (Común).
1605 **embigueira 1** *s.f.* Ver EMBIGO 1 /1604. O informante de Burela dá *embigueiras* como "espullas que lles saen á vaca no ventre ou no ubre". Sospeitamos dun posible erro de comprensión entre informante e colector (aquel sinalaría a rexión e este entendería que lle falaba das espullas) pero tamén resultaría posible que efectivamente chamen así ás espullas que nacen na rexión do embigo. (Com1, Mez.).
1606 **embligo** *s.m.* Ver EMBIGO 1 /1604. (VGR., Xun.).
1607 **embrigo** *s.m.* Ver EMBIGO 1 /1604. (Com1).
1608 **imbío** *s.m.* Ver EMBIGO 1 /1604. (Porto).
1609 **ombigo** *s.m.* Ver EMBIGO 1 /1604. (Com1, Cur., Gud., Mez., San.).
1610 **umbigo 1** *s.m.* Ver EMBIGO 1 /1604. (Com1).
1611 **umbiligo** *s.m.* Ver EMBIGO 1 /1604. (Incio).
1612 **umbrigo** *s.m.* Ver EMBIGO 1 /1604. (Sob.).

2.3.18.3. A bragada

Denomínase bragada a rexión posterior do ventre e interior das patas traseiras. Nela asentan o ubre ou os testículos e caracterízase por ter unha tonalidade normalmente máis clara có resto do corpo e unha pel máis fina e cuberta por un pelo máis sedoso.

1613 **braga 1** *s.f.* Ver BRAGADA /1614. A nosa fonte defíneo como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre". (Común: Abadín, Amandi, Arzúa2, Baltar, Baña2, Barre., Ben., Boi., Bolo, Buga-N, Burela1, Burgo, Burón, Car2, Cast., Ced., Ces., Chan., Corre., Crendes, Cubi2, Dis., Dúas, Feás-A, Fre., Gui., Gun., Incio, Lamas, Laxosa, Meir., Meira2, Mel1, Mira., Mondo1, Mondo2, Negral, Oirán, Parga, Penela, Peno., Piñe., Piñei2, Pravio, Rib-S, Sabu2, Samos3, Taboa., Troán1, Vala., Veste., VFrore., Vilar, Vill-O, Vixoan., Xudán1).
1614 **bragada** *s.f.* Parte baixa do ventre, entre as pernas, e a cara interna destas. (Crendes, ERG, VLLM).
1615 **bragadura** *s.f.* Ver BRAGADA /1614. (ERG).
1616 **bragha** *s.f.* Ver BRAGADA /1614. A nosa fonte defíneo como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre" e escribe *braja*. (Anca, Anseán, Codeso., Cur1, Estr3, Pade., Pedro., Rendal, Ribe1, Santi., Sende., Vi-Val.).
1617 **veldrecha 2** *s.f.* Ver VENTRECHA 2 /1619. (Com1).
1618 **veltrecha 2** *s.f.* Ver VENTRECHA 2 /1619. (Com1).
1619 **ventrecha 2** *s.f.* Bragada ou entreperna dos animais. (CP, ERG, ERQ, Pantón, Ped1, Ram., Razo).
1620 **verdrecha 2** *s.f.* Ver VENTRECHA 2 /1619. (Com1).

A vaca farta, do seu rabo fai bragada. (VLLM:1,132) [428]

2.3.19. A virilla

Trátase dun prego de pel que marca a unión das extremidades posteriores co tronco e que cobre parcialmente o ubre ou os xenitais masculinos.

É unha parte do corpo da vaca especialmente interesante porque serve para medi-lo estado de carnes do animal nas feiras, xa que nos animais gordos é unha das zonas de acumulación de graxa. Serve tamén para suxeita-la vaca durante as exploracións ou a inseminación (*avrilla-la vaca*) e, por último, serve de orientación para busca-los ganglios linfáticos inguinais ou precrurais, moi importantes tamén no exame do estado de saúde dos animais.

1621 **falmega** *s.f.* Pregos de pel que ten a vaca entre as patas traseiras e o ventre. (Ibias1, Ibias2).

1622 **incua** *s.f. Ú. m. en pl.* Virilla. A nosa fonte defíneo como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre". Pal. define como "fosa ilíaca". (Pal., Ribe2).

1623 **narga** *s.f.* Virilla. (Gro4).

1624 **verilla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver VIRILLA /1625. Debe observarse que en Sabu3 definen esta voz como "fosas ilíacas ou da cadeira", mentres que en Enxames e Ribó é a "parte do ventre inmediata ó ubre". (CP, Enxames, Mra., Ribó, Sabu3, Xun.).

1625 **virilla** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada un dos pregos da pel entre a extremidade posterior e a rexión abdominal. ERG aplica esta denominación só á rexión correspondente do corpo humano. Carbal. e Piñor definen como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre". (Común).

1626 **vrilla** *s.f.* Ver VIRILLA /1625. A nosa fonte defíneo como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre" e escribe *brilla*. En plural recólleno Caa., Cab., CP, Dum., ERG, Estr4, FMS, Gaxate, Mel1, Mez., Mosen. e Toba. FMS aduce a etimoloxía *virilia* e recolle a forma *vrille*. (Caa., Cab., Carr-C, CP, Dum., ERG, Estr4, FMS, Gaxate, Mel1, Mez., Morga., Mosen., Noalla, Peroxa, Sisán, Toba).

1627 ***babilla 2** *s.f.* Virilla. Debe terse presente que a zona muscular situada baixo o prego da virilla dá lugar a unha peza de cortadoría denominada en castelán *babilla* e que se corresponde co noso *corte redondo*. (Cam2, Gud5, PCal2).

2.3.20. O ubre



Ubre.

[428] Llópiz explica que a vaca, cando está farta, recolle o rabo entre as coxas e déitase a descansar. Cita tamén o cast.: *Vaca harta con su rabo hace cama*.

O ubre é unha glándula de secreción externa característica dos animais mamíferos que ten como función a secreción do leite co que se alimentan as crías durante as primeiras fases da súa vida. Na vaca asenta na parte posterior e inferior do tronco, na bragada.

Anatomicamente debemos sinalar que, na vaca, o ubre está constituído por catro glándulas independentes, chamadas *cuarteiróns*, adosadas unha a outra sen ningunha comunicación entre elas, a pesar da falsa imaxe que dá de ser un órgano único. A estrutura da glándula é alveolar e ó agruparse os alvéolos forman os condutos galactóforos que rematan nas *cisternas do leite*, situadas na base de cada teto.

O tamaño e a forma do ubre dependen da idade, da aptitude da vaca (de leite ou de carne), do seu estado sexual e do momento do mesmo, ademais do estado san ou patolóxico do órgano.

Un bo ubre debe estar uniformemente desenvolvido, tanto cara adiante como cara atrás e arriba. Simétrico e equilibrado nos catro cuartos e ben unido ó ventre, é dicir, cunha base de unión ampla (*implantación*). Cando o ubre estea cheo de leite, os tetos deben aparecer equidistantes e algo diverxentes.

1628 **aleixo** *s.m.* Ubre. Aplícase tamén ós peitos das mulleres. "Los pechos de la mujer son, en culto, *os peitos* y más comunmente *as tetas*, *os campauns*, *as campaas*, además de *l'aleixo*, que es, propiamente, la ubre de las vacas, con un cierto matiz jocoso-humorístico". (Ancares2:104).

1629 **amoxo** *s.m.* Ubre da vaca. (CP, Mez., Porto).

1630 **aparello** *s.m.* Ubre da vaca. (Gaxate).

1631 **cachorro 2** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "ubre seco". Pola semellanza con *cochón* e *cochorro* cremos que é ubre, sen máis. (PSil).

1632 **carnazón** *s.f.* Ubre dos animais cando é grande e dá pouco leite. (VGR).

1633 **cocho** *s.m.* Ubre. *O tratante tenta o cocho, aparta o rabo e olla a natura con precisión do oficio* (XVP2:146). (Antas3, Cadrón, Camba, Codeso., LG, Mel1, Mon., Oirós, Rendal, Santi., Sende., Sob., XER, XVP2).

1634 **cochón** *s.m.* Ubre da vaca. Compárese con *cocho seco*, na mesma localidade. Debe tratarse dun aumentativo neste caso. (Cadrón).

1635 **cochorro** *s.m.* Ubre da vaca. *¡Que cochorro leva esa vaca!. Pórselle duro o cochorro*. (Cal., LG, Piñe., PSil, PSil1, XER).

1636 **correal 3** *s.m.* Parte do ubre que sobe cara ó perineo. (Oroso2).

1637 ***cuarterón** *s.m.* Cada unha das catro partes do ubre ou cada un dos catro tetos. A nosa fonte en Chan. lematiza en plural *cuarterós* e defíneos, cremos que erroneamente, como "rebaixas xunto ó ubre onde se mira se a vaca vai ser leiteira". (Chan., Cur., Gun.).

1638 **cuca** *s.f.* Ubre. (LG).

1639 **chucha** *s.f.* Ubre. Tamén se aplica ós peitos da muller. (LG).

1640 **falanghe** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada un dos cuarteiróns do ubre. (Gro1).

1641 **fonte 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada un dos catro cuarteiróns do ubre. O noso informante sostén que as *fontes* non son os tetos, como é común. (Gro4).

1642 **mama 1** *s.f. Ú. t. en pl.* Ubre. Ctel1 recólleo en plural. (Ctel1, XER).

1643 **mamadeira 2** *s.f. Ú. t. en pl.* Ubre da vaca. VGR recólleo en plural e di que tamén se aplica ós peitos das mulleres. (VGR).

1644 **odre** *s.m.* Ubre da vaca. (Camba).

1645 **peito 4** *s.m. Ú. m. en pl.* Ubre. A nosa fonte recolle o plural *peitos* e defíneos, cremos que erroneamente, como "rebaixas na pel entre as veas mamarias". (Ribó).

1646 **pisalleira 2** *s.f.* Inf. ubre do animal. É abundancial de *pixa*. (Ardán).

1647 **raxo 5** *s.m.* Ubre. (Mel1).

1648 **remoio 2** *s.m.* Ubre da vaca. *Esta vaca tén un bon remoyo*. (FA).

1649 **remollo 1** *s.m.* Ubre da vaca. (Arroxo, Burón, Ced., CP, ERGa, LG, Piquín, Suarna, VFrore, Vill-O, Xudán1).

1650 **taleigho** *s.m.* Ubre da vaca, cando é grande e ben formado. A nosa fonte escribe *taleijo*. (Sofán).

1651 **teta 1** *s.f. Ú. t. en pl.* Ubre da vaca. En plural recólleo Gro1. (CP, Enxames, ERG, Fózara, Gro1).

1652 **teto 2** *s.m.* Ubre da vaca. Para Vilaf. e Salv3 ver nota a *teto 1*. Así o definen os nosos informantes e así o recollemos nós, aínda que nos quede a dúbida de que este *teto* sexa o ubre e non, como parece máis lóxico, o pezón. Máxime cando tamén en VFrore recollemos *úbere* como nome do ubre. (CP, Pedro., VFrore.).

1653 **úbere** *s.m.* Ubre. (ERG, VFrore.).

1654 **ubre 1** *s.m.* Glándula secretora do leite, característica das femias dos animais mamíferos. En plural recólleo Cang3. (Común. ILG:192 (C:90, LU:32, OU:18, PO:50, GExt.:2)).

1655 **ubre 2** *s.f.* Ubre da vaca. Aínda que aquí só aparecen dous lugares testemuñando o uso de *ubre* como feminino, se observámo-los sintagmas nos que *ubre* combina cun adxectivo ou as locs. verbais nas que forzosamente se marca o xénero, vemos que esta cifra se eleva a 54 lugares máis que son Anca., Arme., Baltar, Bar-Co., Barre., Bolo, Buga-N, Callo., Cang3, Car2, Carbal., Chan., Consta., Couso, Crendes, Cruído., Cubi2, Cunt2, Damil, Dis., Dum., Eixo, Fara., Figue1, Fol-C, Frei., Lago,

Laiosa, Macei., Medín, Mez., Miñor2, Morai., Mosen., Neda, Oirós, Oroso2, Penela, Peno., PSeca, Ribó, Rus, Sabu2, Salv3, Sende., Sisto., Suevos, Taboa., Tabor., Vala., Valad1, Veste., Viso1, Xeve. (Oroso1, Vixoán.).

1656 **ubreira 1** *s.f.* Ubre. (LG).

1657 **casco de leite** *s.comp.m.* Ubre, durante o período de lactación. (Pre.).

1658 **casco que dá leite** *s.comp.m.* Ver CASCO DE LEITE /1657. (Lagar.).

1659 **descolgado** *adx.* [Ubre] moi caído, longo, con pouca base. (Cam1).

1660 **odrado** *adx.* [Ubre] amplo e ben desenvolvido. Realmente, Aníbal Otero defíneo como "remollo hinchado", pero dentro dun contexto positivo, polo que non podemos considerar este *remollo odrado* como inchado no sentido patolóxico de inflamado. (Mestre).

1661 **retesado** *adx.* [Ubre] moi teso, cheo, conxestionado. *A vaca ten o ubre retesado*. (Xun2).

1662 **reteso** *adx.* Ver RETESADO /1661. *Pónselle o ubre moi reteso*. (Xun2).

A vaca, ó tocarlle na ubre, leite dá. (XTC4)

A vaca, para ser leiteira, ha de ter ubre larga, os cornos aguzados e os fuciños achatados. (UCA2:25) [429]

A vaca, pra ser leiteira, ha de ter ubre larga, os cornos afilados e o fociño achatado. (VS) [430]

As vacas de Cancelada, muito ubre e pouca canada. (VS)

As vacas de Ponferrada, moito ubre e pouca canada. (VS)

Vaca de Cancelada, moito ubre e pouca canada. (VS) [431]

Vaca de Ponferrada, moito ubre e pouca canada. (VS; ANV3:97; XTC4) [432]

Nin vaca de moito ubre nin home de moito fume. (VS) [433]

Os de Lubre, toman o leite da ubre. (VS4)

Catro damas nun curral
e todas mexan igual. [434]

O remollo da vaca [435]

Era un que traballaba nun matadoiro e daquela o soldo era baixiño. Tiña moitos fillos e moitas precupacións e combatíaas levando o que podía para a casa. Achegábase o antroido, así que pensou:

- Como non hai moito parné e non podo mercar carne para os rapaces, vou ver se dentro do pantalón podo meter algo do matadoiro e lévoo sen que o noten.

Pero o único que puido coller foi o remollo dunha vaca.

- Polo menos fago unha potada de callos para o martes de antroido.

Cortou o remollo enteiro, meteuno aquí, entre os pantalóns e o ventre, e tapouno coa camisa. Non lle notaron nada, pero ía moi forzado, e ó subir ó autobús sáiselle un teto para fóra. E empezan as mulleres, que pensaron que o que lle saía era outra cousa:

- ¡Ai, a Virxe, este home está tolo de todo! ¡Onde vai vostede así, Deus nos valla, madre de Deus!

El trata de metelo dentro, pero xa non o conseguiu. Saca a navalla e corta, ¡ras!, para fóra o teto pola xaneliña.

- ¡Oi, María Santísima, que tolo está este home, Xesús, Xesús, que está facendo!

- ¡Señoras, non se preocupen, que aínda me quedan outros tres!

---

[429] No texto: *e o fuciños* (sic).

[430] VS: *fociño achatado* nun manuscrito e *fuciño achatado* no mecanoescrito.

[431] VS: *muita ubre*.

[432] Taboada recolle, como variante, *da Cancellada*.

[433] Un gandeiro bretón que ten algunhas das mellores vacas Holstein de Francia díxonos que, por medio da selección, el buscaba conseguir unha vaca que producise moito leite pero que tivese o ubre pequeno, porque as vacas leiteiras de ubres grandes case sempre acaban tendo problemas. Hoxe o que se busca é que a implantación sexa o máis ampla posible, o que implica menor profundidade.

[434] Os tetos da vaca. PM:208.

[435] XCARXM2:108. Rexistrada en Vilaboa, A Pontenova.

2.3.20.1. Os tetos

O tetos son esas protuberancias que todos coñecemos polas que o ubre se abre ó exterior e que permiten que os becerros mamen e, subsidiariamente, que o gandeiro ou gandeira munxa. Interiormente están percorridos por unha canle que baixa da cisterna do leite e remata no esfínter inferior.

O tamaño dos tetos é moi variable, entre os 6 e os 8 centímetros de lonxitude (en vacas vellas poden chegar ós 14 cm), pero deben preferirse os do tamaño medio: nin tan grandes que poidan chegar a arrastrar polo chan -circunstancia non imposible nos momentos de máxima produción leiteira- nin tan pequenos que fagan difícil o munxido. A conformación e dimensións dos tetos cobran máis importancia se se ten en conta a difusión cada día maior do munxido mecánico.

Ás veces aparecen na parte posterior do ubre uns tetos pequenos, rudimentarios, que non producen leite. Estes tetos supernumerarios ou accesorios non son prexudiciais para a produción leiteira da vaca e mesmo hai quen os considera como un bo carácter leiteiro, aínda que resulta máis habitual que deprecien o animal na venda. Ademais, se están moi próximos ós tetos verdadeiros poden dificulta-lo muxido. Por estas razóns adóitase extirpalos cando son becerras e, na selección dos reprodutores, deben descartarse aqueles que presenten estes tetos accesorios.

1663 **cuarto** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "pezón", pero é máis verosímil que se aplique ó cuarteirón. (Cur.).

1664 **fonte 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Teto. *Vaca coxa é a que secou dunha fonte*. Úsase tamén nas adiviñas. (Común).

1665 **mamadeira 1** *s.f.* Pezón do ubre da vaca. (LG, Mel1, San., XER).

1666 **mamia** *s.f.* Pezón suplementario e inútil da vaca. (Porto).

1667 **mamiño 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Teto máis pequeno cós normais ou teto supernumerario, sempre pequeno. (San.).

1668 **mingoante** *s.m. Ú. m. en pl.* Teto. Úsase nas adiviñas. (PM:209).

1669 **mungante** *s.m. Ú. m. en pl.* Teto. Úsase nas adiviñas. (PM:215).

1670 **pezón 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das prominencias polas que se abre ó exterior o ubre. (Gro5).

1671 **pisa 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Teto do ubre. (Común).

1672 **serruchete** *s.m. Ú. m. en pl.* Teto. Úsase nas adiviñas. (PM:224).

1673 **teta 2** *s.f. Ú. t. en pl.* Ver TETO 1 /1674. *En canto os becerros son 'cortelleiros', téngse tino de que mamen tres veces ao día, i-en canto emprincipian a comeren bótanse ao monte cas nais ás que se lle untan as tetas con bosta pra que as crías non mamen mentras están fora* (Velle1:135). *¡Y-ala! Catuxa colleu a teta d'a vaca y-un tirón vai y-outro rostregon vén, comenzou á caer unha goteira primeiro, un fio dempois de leite n-a vidrada cunca, mentres á cada istante a nena acariciaba ò animal c'os mais cariñosos e gasalleiros nomes* (MAM:2). (Ancares2, Carr-G, MAM, Velle1, Vrei.).

1674 **teto 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das prominencias polas que se abre ó exterior o ubre. Salv3 e Vilaf. definen como "glándulas mamarias das vacas" o que, en sentido estrito, designaría o ubre, non os pezóns. (Cur., Goián2, Gro1, Gud., Miñor2, Nove., Pantón, Per1, Vala. ILG:212 (C:96, LU:39, OU:18, PO:57, GExt.:2)).

1675 **tetu** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver TETO 1 /1674. (Ancares2).

1676 **cichafontes** *s.comp.m.* Tetos. Úsase nas adiviñas. (Gud9, PM:204, VG:20.08.1988).

1677 **correfontes** *s.comp.m.* Tetos. Úsase nas adiviñas. (ERG, PM:210, TCha, VG:23.11.1985).

1678 **deitafontes** *s.comp.m.* Ver CORREFONTES /1677. Úsase nas adiviñas. (ERG).

1679 **manafontes** *s.comp.m.* Tetos. Úsase nas adiviñas. (Vilaf.).

1680 **mexafontes** *s.comp.m.* Tetos. Úsase nas adiviñas. (PM:217).

1681 **teto raro** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Pezón suplementario e improdutivo. A nosa fonte defíneo como "rebaixas xunto ó ubre onde se mira se a vaca vai ser leiteira". (Zamáns).

1682 **tetos do lado da dona /do lado do becerro** *s.comp.m.* Os dous tetos do lado dereito / esquerdo no ubre da vaca. (Dormeá).

1683 **dama nun curral** *loc. s. Ú. m. en pl.* Teto. Úsase nas adiviñas. (PM:208).

Á vaca alugada enxóitanlle os tetos. (VLLM:1,131) [436]

Á vaca emprestada, os tetos se lle secan. (VLLM:1,131) [437]

[436] Llópiz explica *alugada*, "*alquilada*"; di que se aplica ó ignominioso abuso dos que a explotan.

[437] Llópiz di que é pé dun debuxo de Castelao que non demos levantado

Vaca alugada, tetos enxoitos. (VLLM:1,154)
A vaca, canto máis se munxe, máis grande ten o teto. (ERG:vaca)
A vaca, canto máis se muxe, máis grandes ten os tetos. (MC:87)
Canto máis se munxe a vaca, máis os tetos se lle agrandan. (ERG:vaca)
Canto máis se munxe a vaca, máis remollo saca. (VLLM:1,138) [438]
Canto máis se munxe a vaca, máis se lle aguza a teta. (VLLM:1,138) [439]
Canto máis se munxe a vaca, o teto máis se lle agranda. (VLLM:1,138) [440]
Inda máis se muxe a vaca, máis teto saca. (VLLM:1,142)
A vaca, para ser leiteira, ten que ter o teto longo, corna aguzada e fuciño mocho. (VLLM:1,132) [441]

As velliñas de Vilar
andan todas derreadas
unhas de tirarlle ó teto
i autras de munguir as cabras. [442]

Os tetos aparecen nas adiviñas, como se ve, coas denominacións de *catro na cama / na lama, cichafontes, correfontes, deitafontes, fontes, mamantes, manafontes, mexafontes, mingoantes, mungantes.* Para ver esas adiviñas, reléase o apartado 2.3.10. *Os cornos*. A elas haille que engadi-las dúas seguintes:

Catro cichafontes,
catro rodamontes
e un dálle-dálle. [443]

¿Que son catro roda-montes
con catro cichafontes
e un dálle-dálle? [444]

2.3.20.2. O ubre seco

Cando unha vaca adulta non está de leite, o ubre deixa de traballar e a glándula entra en repouso. O tecido glandular redúcese considerablemente e consecuentemente tamén o volume do ubre. Como resultado, o órgano aparece engurrado, coa pel formando eses pregos dos que a seguir veremos diferentes denominacións. Non é, nin moito menos, un estado patolóxico nin anormal, nin debe considerarse defecto ningún, senón un estado fisiolóxico da glándula que, cando se produza unha nova xestación, volverá a medrar e encherse de tecido glandular produtivo.

Cómpre distinguir esta situación da que se produce nunha vaca en produción ó remata-lo muxido. Baleirado o ubre, é normal que aparezan pregos de pel, sobre todo na parte posterior, baixo o perineo.

1684 **casco 3** *s.m.* Ubre seco. (Alla2, Ribad., Saiar).
1685 **correal 1** *s.m.* Ubre seco. (Arca, Com1, Cur1, Figue1, Negr2, Pre., Santi.).
1686 **correo 2** *s.m.* Ubre seco. (Ortoño).
1687 **corriallo** *s.m.* Ubre seco. (Samos3).
1688 **corriolo** *s.m.* Ubre seco. (Busta.).
1689 **currial 1** *s.m.* Ubre seco. (Com1, San.).
1690 **ghaldracho** *s.m.* Ubre seco. A nosa fonte escribe *jaldracho*. (Conxo).
1691 **peghaldro** *s.m.* Ubre seco. A nosa fonte escribe *pejaldro*. (Gaxate).
1692 **peldracho** *s.m.* Ubre seco. (Gud., Melias, Vil.).
1693 **peldraxo** *s.m.* Ubre seco. (Vixoán.).
1694 **peldregacha** *s.f.* Ubre seco. (Gun.).
1695 **pelegato** *s.m.* Ver PELGACHO /1698. (Arroxo).
1696 **pelexa 1** *s.f.* Ver PELEXO 2 /1967. (Pedro.).
1697 **pelexo 2** *s.m.* Ubre seco. (Arzón, Callo., Culle., Figue2, Meir., Peroxa, Samos3, Tab1, TapiaC, Troán1).
1698 **pelgacho** *s.m.* Ubre seco. (Antas3, MCouso, Nove., Sisto, VFrore., XER).
1699 **pelgato** *s.m.* Ver PELGACHO /1698. (Baña2, Fózara, Mira., Mon., Neves2, Nove2, Suarna).
1700 **pelghacho** *s.m.* Ver PELGACHO /1698. A nosa fonte escribe *peljacho*. (Cerd2, Estr4, Verdu.).
1701 **pelghato** *s.m.* Ver PELGACHO /1698. A nosa fonte escribe *peljato*. (Cang3, Corb., Oliv., Vnova2).
1702 **pelghaxo** *s.m.* Ver PELGACHO /1698. A nosa fonte escribe *peljaxo*. (Lagar.).
1703 **pelgho** *s.m.* Ver PELGO /1704. A nosa fonte escribe *peljo*. (Santi.).
1704 **pelgo** *s.m.* Ubre seco. (Carño2, Dozón, Piñor).
1705 **pelro** *s.m.* Ubre seco. (Pre.).

[438] Llópiz: *múnxese*, *mais*; explica que *remollo* é na fala dos Vaqueiros de Alzada a riqueza ou corpo do leite.
[439] Llópiz: *mais*; recólleo de V. Muñiz, prof. vet.
[440] Llópiz: *mais se ll'agranda*; di que é var. doutra de Bluteau.
[441] Véxase máis arriba, no apart. 2.3.1. *O fociño*, o comentario a este mesmo refrán.
[442] SCHU4/2/453. No texto: *tirarll'ó.*
[443] A vaca. APG:104. No texto: *dalle dalle*.
[444] A vaca. APG:105. No texto: *dalle-dalle*.

1706 **piegallo** *s.m.* Ubre seco. (Val-LE).
1707 **baldeira 3** *adx. f.* [Ubre] seco. A nosa fonte escribe *valdeira*. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Macei.).
1708 **baleira 4** *adx. f.* [Ubre] seco. A nosa fonte escribe *valeira*. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Consta.).
1709 **encorreado** *adx.* [Ubre] seco e engurrado. (Anseán, PAre1).
1710 **enghurrado** *adx.* [Ubre] seco. A nosa fonte escribe *enjurrado*. (Grixoa).
1711 **enxoito** *adx.* A nosa fonte defíneo como "ubre seca" e escribe *enxoita*. (Pal).
1712 **esgoldrechado** *adx.* [Ubre] seco e engurrado. (Nove., Sob.).
1713 **espurrido** *adx.* [Ubre] seco. (Caa.).
1714 **estiñada 1** *adx.* [Ubre] seco. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Sabu2).
1715 **maniña 6** *adx.* [Ubre] seco. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Mez., Oirós, Vala.).
1716 **ruchada** *adx.* [Ubre] seco. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Cruído).
1717 **seca 2** *adx.* Ver SECO 3 /1719. Obsérvese o uso do xénero feminino. En Aranga, Borre., Caban., CReis2, Dúas, Lamas, Lous., Vrei. e Vxoán. unicamente din *seca*. (Baltar, Bar-Co., Barre., Bolo, Buga-N, Car2, Carbal., Chan., Couso, Crendes, Cubi2, Cunt2, Dis., Dum., Eixo, Fara., Laiosa, Medín, Mosen., Oroso1, Penela, Peno., PSeca, Ribó, Rus, Sende., Suevos, Taboa., Tabor., Valad1, Veste., Xeve).
1718 **secada** *adx.* [Ubre] seco. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Morai.).
1719 **seco 3** *adx.* [Ubre da vaca] cando non está no período produtivo. Incluímos aquí as localizacións que empregan o mesmo adxectivo con diferentes denominacións do ubre: *cachorro seco* (PSil), *cocho seco* (Cadrón) e *remollo seco* (Xudán1, Vill-O). (Abe., Anca, Baíñas, Burela1, Cadrón, Casal., Com4, Cunt2, Gui., Lucí, PSil, Sofán, Vcova., Vill-O, Xudán1).
1720 **sorode** *adx.* [Ubre] seco. (Neda).
1721 **sorodia** *adx.* [Ubre] seco. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Neda).
1722 **sumido** *adx.* [Ubre] seco. (Cer.).
1723 **en pelexos** *loc. adx.* [Vaca] que ten o ubre seco. (Vi-Val.).
1724 **en plexos** *loc. adx.* Ver EN PELEXOS /1723. (Estr3).
1725 **sin leite** *loc. adx.* [Ubre] seco. (Bas., Cast., Lendo).
1726 **sin ubre** *loc. adx.* [Vaca] que ten o ubre seco. (Poulo, Vviño.).
1727 **non ter ubre** *loc. v.* Ter [a vaca] o ubre seco. (Couce.).
1728 **ter boas pieles** *loc. v.* Te-lo ubre engurrado e seco [unha vaca], con pregos notables. (Piñor).
1729 **ter bon correal** *loc. v.* Te-lo ubre engurrado e seco [unha vaca], con pregos notables. (Santi.).
1730 **ter corros** *loc. v.* Te-lo ubre engurrado e seco [unha vaca]. (Somo2).

2.3.20.3. Os pregos do ubre seco

1731 **correa 6** *s.f. Ú. m. en pl.* Prego que forma o ubre da vaca ó estar seco. En plural recólleno Burgo, Ces., Leir-A, Oirán, Pade. e Ribe1. (Burgo, Cab., Ces., Dum., Leir-A, Oirán, Pade., Ribe1, SComba).
1732 **correacho** *s.m.* Ver CORREA 6 /1731. (Mez.).
1733 **correo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CORREA 6 /1731. (Teo).
1734 **correola** *s.f.* Ver CORREA 6 /1731. (Gun.).
1735 **corro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CORREA 6 /1731. (Somo2).
1736 **goldrecho** *s.m.* Conxunto de pelexos do ubre baldeiro dun animal. (Nove., Sob.).
1737 **golerpa** *s.f.* Prego do ubre cando está seco. As nosas fontes aplícano en plural. Aníbal Otero (Acevo) recolle tamén a forma *gulerpas*. Aníbal Otero tamén abona o seu uso como adxectivo aplicado a "cualquier animal hambrón y delgado" ou a "aquel que come e come, que no engorda como debiera". En Acevo úsano en pl. para designar "las flacideces de la ubre: *ja principia a extender as gulerpas*, dícese cuando la ubre de la vaca próxima a parir empieza a llenarse". (Acevo, LG).
1738 **gollerpa** *s.f. Ú. m. en pl.* A nosa fonte defíneo como rebaixas no ubre onde se mira se a vaca vai ser leiteira. Ver GOLERPA /1737. (Damil).
1739 **gulerpa** *s.f.* Ver GOLERPA /1737. (Acevo).
1740 **peleixa** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PELEXO 3 /1742. (Santi.).
1741 **pelexa 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PELEXO 3 /1742. A nosa fonte recólleo en plural, *pelexas*. (Codeso.).
1742 **pelexo 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Supoñemos que alude ós pregos que forma o ubre seco. A nosa fonte recólleo en plural, *pelexos*, e defíneo como "ubre seco". (Vi-Val.).
1743 **pielgo** *s.m. Ú. m. en pl.* Prego que forma o ubre da vaca ó estar seco. (Burón, Suarna, Vil.).
1744 **plexo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PELEXO 3 /1742. (Estr3).
1745 **correa do ubre** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver CORREA 6 /1731. A nosa fonte defíneo como "ubre seco". (Laxosa).
1746 **correo seco** *s.comp.m.* Ver CORREA 6 /1731. (Teo).
1747 **pelexo colgado** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver PELEXO 3 /1742. (Negra.).

2.3.20.4. As veas mamarias

O ubre, como principal glándula de secreción externa, ten unha irrigación sanguínea moi abondosa para achega-los nutrientes que se necesitan para a formación do leite. O subministro de sangue ó ubre corresponde a arterias que descenden directamente da aorta polo interior do corpo ata o ubre, e a recollida corresponde ás veas mamarias (ou veas subcutáneas abdominais). Estas, sobre todo nas vacas de alta produción leiteira, son flexuosas e moi ramificadas (de aí o nome metafórico de *edras* que reciben en Guillarei-Tui, nome que tamén designa as varices da xente), e destacan visiblemente sobre a superficie do ventre e do mesmo ubre, polo que o seu maior ou menor volume pode indicárno-la capacidade leiteira dunha vaca. Hai que ter en conta que nunha vaca que produza 20 litros de leite ó día pasan polo ubre uns 10.000 litros de sangue no mesmo período de tempo: é dicir, precísanse uns 500 litros de sangue para producir 1 litro de leite [445].



Veas mamarias.

As veas mamarias, tras percorrer cara adiante un espazo maior ou menor da superficie abdominal, penetran no abdome cara á vea torácica interna a través duns orificios na parede abdominal, chamados *fontes do leite*. Tradicionalmente, admítese que o tamaño destes buratos, así como o propio desenvolvemento e relevo das veas mamarias, está en relación directa coa capacidade leiteira da vaca, o cal, sendo certo, debe ser interpretado con prudencia ó intervir na produción de leite moitos outros factores.

A seguir podemos ve-las variadas denominacións que puidemos recoller para as veas mamarias. Tendo en conta que o noso interese é máis lingüístico que técnico, e que a información das nosas fontes é moitas veces ambigua, agrupamos con estas neste mesmo apartado aquelas voces que designan aquelas *fontes* e mailas que designan as rebaixas da pel entre as veas, se ben nos xorde a dúbida de se o informante se está a referir ás veas propiamente ditas ou a estas rebaixas. De feito, moitas das respostas obtidas ó cuestionario do ILG que agora nos interesan (*Cordas, Fontes, Manantial, Vasos, Venas*) coinciden cando se lles pregunta polos *Condutos venosos que levan o leite ó ubre (Cordas)* (pregunta esta que buscaba denominacións populares das veas mamarias) ou polas *Rebaixas xunto ó ubre onde se mira se a vaca vai ser leiteira (Fontes)* (pregunta que buscaba as denominacións desas rebaixas ou, máis probablemente, das entradas destas veas na parede abdominal) [446].

[445] EK:810.

[446] Neste caso, parece que a distinción que tiña clara o autor do cuestionario non foi recollida fielmente polos colectores das enquisas ou polos propios informantes aínda que nos inclinamos a crer que aquí houbo un claro malentendido entre uns e outros.

1748 **apela** *s.f. Ú. m. en pl.* Vea mamaria. (Vil.).

1749 **burato 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das aberturas da parede ventral por onde entran as veas mamarias ó interior do corpo. (Busta.).

1750 **canal 3** *s.m.* Vea mamaria. A nosa fonte define erroneamente como "conducto venoso que lleva la leche a la ubre de las vacas". (SComba).

1751 **caño 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Vea mamaria. A nosa fonte defíneo como "rebaixas xunto ó ubre onde se mira se a vaca vai ser leiteira". (Vill-O, Vixoán.).

1752 **conca** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das aberturas da parede ventral por onde entran as veas mamarias ó interior do corpo. (Noal).

1753 **corda 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Vea mamaria. Algunhas das nosas fontes (Carbal., Cruído, Lava., Oroso2, Ribad.) definen como rebaixas xunto ó ubre onde se mira se a vaca vai ser leiteira. (Alence, Alla2, Beman., Callo., Carbal., Carde., Carr-G, Cast., Chan., Codeso., Com4, Cruído, Cur1, Fara., Laraxe, Lava., Leir-A, Lous., MCouso, Negra., Neves2, Noal, Oroso2, Oza, Pade., Rábade, Ribad., Sende., TapiaC, Vcova).

1754 **correa 7** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CORREAL 2 /1755. (Bar-Co., Crendes, PCal2, Teo).

1755 **correal 2** *s.m.* A nosa fonte define como "rebaixas xunto ó ubre onde se mira se a vaca vai ser leiteira". (Carb3, Noice.).

1756 **currial 2** *s.m.* Ver CORREAL 2 /1755. Para ver se a vaca é leiteira ou non os campesiños míranlle *o currial* e miran se ten boas fontes (orificios polos que pasa a vea mamaria ó abdome). (San., Verdía).

1757 **edra 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Vea mamaria. (Guil2).

1758 **encordio** *s.m. Ú. m. en pl.* Vea mamaria. (Melias, Suevos).

1759 **figura** *s.f. Ú. m. en pl.* A nosa fonte defíneo como "rebaixas xunto ó ubre onde se mira se a vaca vai ser leiteira". (Vi-Val.).

1760 **focha** *s.f.* Abertura da parede ventral por onde entran as veas mamarias ó interior do corpo. (Peroxa).

1761 **fol 2** *s.m.* Abertura da parede ventral por onde entran as veas mamarias ó interior do corpo. (Guil2).

1762 **fonte 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das aberturas da parede ventral por onde entran as veas mamarias ó interior do corpo. Canto maior sexa o diámetro desta abertura maior poderá se-lo desenvolvemento do sistema sanguíneo que irrigará o ubre e, polo tanto, maior será tamén a produción leiteira. Por esta razón os gandeiros e tratantes apalpan esa focha para mediren a posterior rendibilidade da vaca. É posible que nesta denominación, *fontes*, e outras similares, coma *mananciais*, latexe a idea de que de aí é de onde vén o leite. Nese caso temos que dicir que esa idea -que incluso aparecía nalgúns dicionarios que definían estas veas como "conductos venosos que llevan la leche a la ubre"- é evidentemente falsa, aínda que sexa certo que ese diámetro é un indicio indirecto da futura produción de leite, pero non por esa razón. En Rábade definen esta voz como "panza da vaca" que nos parece un claro erro do colector da información. (Cab., Ced., Com1, Dozón, Feás-A, Gui., Incio, Laxe, Mel1, Mondo1, Nove., Oroso1, Rábade, Ram., Razo, Salv3, Samos3, San., Sob., Sofán, Vala., Xudán1. ILG:132 (C:61, LU:32, OU:10, PO:28, GExt.:1)).

1763 **furado 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BURATO 2 /1749. (Xudán1).

1764 **manancial** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das aberturas da parede ventral por onde entran as veas mamarias ó interior do corpo. (Aranga).

1765 **picadoiro** *s.m.* Abertura da parede ventral por onde entran as veas mamarias ó interior do corpo. (Vrei.).

1766 **vaso** *s.m. Ú. m. en pl.* Abertura da parede ventral por onde entran as veas mamarias ó interior do corpo. (Rib-S).

1767 ***berenghena** *s.f. Ú. m. en pl.* Vea mamaria. (Cal.).

1768 ***manantial** *s.m.* Ver MANANCIAL /1764. (Alence, Samos3).

1769 ***vena** *s.f. Ú. m. en pl.* Vea mamaria. (Anca, Arme., Barre., Ben., Buga-A, Caban., Callo., CarbCo., Casal., Chan., Consta., Dis., Fol-LE, Frei., Lamas, Lampón, Lous., Macei., MCouso, Mon., Mondo2, Randu., Ribad., Ribe2, Sisán, Val-LE, Vala., Valad2, Verdía, Veste., Vxoán.).

1770 **vea do leite** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Vea mamaria. (VFrore.).

1771 **vía do leite** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver VEA DO LEITE /1770. (Goián, Goián2, Troán1, XER).

1772 ***manantial do leite** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver MANANCIAL /1764. (Arroxo).

1773 ***vena da leite** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver VEA DO LEITE /1770. (Abe., Baíñas, Covas, Nove2, Razo).

1774 ***vena do leite** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver VEA DO LEITE /1770. O informante de Noalla3 engade que *hai vacas que as teñen tapadas, e teñen menos leite*, indicando así cando as veas mamarias non sobresaen na pel da panza. (Com1, Dum., Gud., Incio, Noalla3, Per., Per1, Vala., Xun. ILG:31 (C:3, LU: 10, OU:2, PO:16)).

1775 ***vena leiteira** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver VEA DO LEITE /1770. (Melias).

1776 ***vena visible** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver VEA DO LEITE /1770. (Rama.).

1777 **corda da leite** *loc. s. Ú. m. en pl.* Ver CORDA DO LEITE /1778. (Couce., Culle., Ribe1).

1778 **corda do leite** *loc. s. Ú. m. en pl.* Vea mamaria.

(Caa., Cab., Ced., Com1, Cur., Dozón, Feás-A, Fuxás, Gui., Laxe, Mon., Ram., Razo, Sob., XER. ILG:99 (C:53 LU:14, OU:8, PO:24)).

1779 **corda do ubre** *loc. s. Ú. m. en pl.* Ver CORDA DO LEITE /1778. (Miñor2, Oroso1).

1780 **corda du leite** *loc. s. Ú. m. en pl.* Ver CORDA DO LEITE /1778. A nosa fonte escribe *du leite*, que supoñemos que responde a un *do* con o pechado. (Poulo, Vviño.).

1781 **corda leiteira** *loc. s. Ú. m. en pl.* Vea mamaria. (Lañas).

1782 **corrente da leite** *loc. s. Ú. m. en pl.* Vea mamaria. (Vrei.).

1783 **fonte do leite** *loc. s. Ú. m. en pl.* Ver FONTE 3 /1762. (Culle., Meir., Noalla, Oza, Vmaior.).

1784 **fonte do ubre** *loc. s. Ú. m. en pl.* Ver FONTE 3 /1762. A nosa fonte defíneo como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre". (Samos3).

1785 **poza das fontes** *loc. s.* Ver FONTE 3 /1762. (Couso).

1786 **cordeeira 2** *adx.* [Vaca] que ten moi marcadas as veas mamarias, popularmente coñecidas como *cordas do leite*. (Beariz2).

1787 ***agitada** *adx.* [Vea mamaria] que sobresae moito. (Cam2).

1788 **mirar nas *venas** *loc. v.* Observa-lo tamaño e forma das veas mamarias para determina-la capacidade leitera [dunha vaca]. (Abe.).

1789 **ter boas fontes** *loc. v.* Ter [unha vaca] *fontes* ben amplas, o que indica que vai ser de boa produción leiteira. (San.).

1790 **ter bos caños** *loc. v.* Ter boas veas mamarias [unha vaca]. Supoñemos que se refire ás que son avultadas e indican unha boa produción de leite. Esta locución lémbrano-lo subst. pl. *bosventos* que ERQ1 encontra en San Amedio de Piñeiro co valor de "adorno que levan os cumios dos hórreos e das casas". (Sabu3).

Vaca cordeeira, vaca leiteira. (Beariz2)

2.3.21. Os xenitais

Referímonos agora, naturalmente, só ós xenitais externos, ós diferentes órganos dos aparatos xenitais masculino e feminino visibles externamente. Tecnicamente, adoitan considerarse órganos xenitais internos os formadores de células sexuais (testículos e ovarios) e externos os órganos copuladores (pene e vulva e vaxina).

Neste traballo, seguindo un criterio máis topográfico que fisiolóxico, incluirémo-los testículos entre os órganos externos. Por iso deixamos para o capítulo de *Anatomía* (5.4.) os órganos internos femininos.

1791 **as súas partes** *loc. s. euf.* Xenitais dos bovinos. Denominación xenérica e eufemística. Utilízase tamén noutros animais e mesmo no home. (Común).

2.3.21.1. Os testículos



Colloada dun boi rubio.

Son as glándulas formadoras das células sexuais masculinas, os espermatozoides, situadas fóra da cavidade abdominal, na rexión inguinal na bolsa escrotal, porque a alta temperatura corporal prexudicaría a espermatoxénese. Outra función importante dos testículos é a secreción da testosterona, a hormona sexual masculina.

Trátase dun órgano par, de forma ovoide ou globulosa, cor branca e recubertos de numerosas veíñas sinuosas. Os espermatozoides saen do testículo polo epidídimo, que os almacena e, no momento da exaculación, verte ó conduto deferente e, de aí, á uretra, na que tamén desembocan as secrecións das glándulas xenitais accesorias (vesículas seminais e próstata) que, xunto a aqueles, conforman o esperma.

Filgueira lembra que o carrete que fai corre-la corda do botafumeiro na catedral de Santiago chámase *argadelo* e que, despois de retira-lo incensario, del déixase colgando un contrapeso que, en certa medida, nos evoca a palabra *argamandillo* (XFV4: 116-119).

Na cociña galega é inusual o consumo dos testículos e só se fai en cociña experimental ou en ocasións nas que se quere practicar cociña foránea, maiormente arxentina (véxase 6.4.1.1.).

1792 **argamandillo** *s.m. Ú. m. en pl.* Testículo. (ERG).
1793 **arriolo** *s.m.* Testículo. (Hermi.).
1794 **collón** *s.m. Ú. m. en pl.* Testículo. (Común).
1795 **cullón** *s.m.* Ver COLLÓN /1794. (Com1, Sob.).
1796 **galdrumbo** *s.m.* Testículo grande e colgante. (Hermi.).
1797 **perendengue 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Testículo. (Ancares2).
1798 **testículo** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas glándulas sexuais masculinas, onde se orixinan os espermatozoides. (ERG).
1799 ***güevo** *s.m. Ú. m. en pl.* Collón. (Cam1).

A novia ten bo mantelo
que llo fixo o señor novio
cos collóns dun boi vermello. [447]

Teño unha herba na horta
que lle chaman 'te-lo burro'
teno ti por muitos anos
cara de almallo colludo. [448]

Teño unha herba na ihorta
que lle chaman 'tente-burro'
tente ti por moitos anos
cara de almallo colludo. [449]

Teño unha iherba na ihorta
que se chama o 'tente-burro',
para ti falar comigho
cara de armallo colludo. [450]

O boi e a raposa [451]

Cuntan que en Lillu, unha raposa mui lista, por certo, andaba á acexa tras dun xato marón cun tambullón varonil que, acingándose rítmicamente a cada paso que daba, despertara a engucia da carniceira raposa. Ésta non perdía movemento do péndulo, intuíndo que dun momento a outro había de desprenderse do agarradeiro e acabar nas súas gorxas.

E levada máis dos seus febrís e vanos afais que da sensatez das súas pretensiois, iba o animal dicindo:

-*¡Xa lle caen, xa non lle caen! ¡Ai que lle caen, ai que non lle caen!*

Hastra que, en chegando á porta da corte, non lle quedou á raposa máis que ver cómo o becerro quedaba dentro a salvo. Mais ela, lonxe de sintirse burlada e escapulir caladiñamente, confesou ó campesino:

-*Ai ho, os collois caer non lle caíron, pero mui seguros non che lle van.*

Obrigada pola fame, tan sutil animal chegouse á noitiña polos orredores de Veiga de Espiñareda, acabando por emburacar a pe dun parral de grandes e fermosos recimos. O aire amolegaba mansamente as follas deixando ó decuberto tan cubicioso fruito, e como cos sous brincos collelo non podía, aguardou a noite enteira crendo que unha pancada esgaxaría un carrelo co que acouga-lo bandullo. Pero se do xato nada se soltou, tampouco do parral, polo que se viu ó último forzada a fuxir ca chegada do día.

[447] SCHU6/2/1667. No texto: *tén.*
[448] SCHU5/2/157c. No texto: *teñ'unha, d'almallo.*
[449] SCHU5/2/157b. No texto: *teñ'unha, d'almallo.*
[450] SCHU5/2/157a. No texto: *teñ'unha, d'armallo.*
[451] Bierzo2: 90-91.

-*¡Eh!* -dixo pra consolarse-, *tan verdes, e pra o que me saben...*

Corre que te corre, co sabor das uvas na boca producido pola pasada secreción salivar, marchou cara a ponte de Bárcena.

Subíuse a un dos dous balaústres pra millor axila-lo horizonte, e nun descuido avantou ó río. E como a súa pacencia era infinita e nin ante a mairande adversidade se apuraba, mentres o cachón do río a arrastraba Cúa abaixo [452], iba dicindo:


-Eh, a min ¿qué máis me da?,... pra Sésamo tiña que ir.

2.3.21.2. O escroto

Os testículos alóxanse no escroto, bolsa músculo-cutánea, globular e normalmente asimétrica. As fibras elásticas das súas paredes contráense co frío e reláxanse coa calor.

1800 **bolsa 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Escroto. (Cam2, ERG).
1801 **colloada** *s.f.* Bulsa dos testículos, escroto. (ERG).
1802 **forras** *s.f.pl.* Escroto. (Com1).
1803 **tambullón** *s.m.* Bolsa dos testículos. *Cuntan que en Lillu, unha raposa mui lista, por certo, andaba á acexa tras dun xato marón cun tambullón varonil que, acingándose rítmicamente a cada paso que daba, despertara a engucia da carniceira raposa. Ésta non perdía movemento do péndulo, intuíndo que dun momento a outro había de desprenderse do agarradeiro e acabar nas súas gorxas*. (Bierzo2:90).
1804 **bolsa dos collóns** *s.comp.f.* Escroto. (Razo).
1805 **bolsa dos collós** *s.comp.f.* Escroto. (Cab., Gui.).

2.3.21.3. O pene



Anatomía do aparato xenital masculino. (Facultade de Veterinaria de Lugo)

É o órgano da copulación. Coma en tódolos mamíferos, está formado por uns corpos cavernosos que, en estado de repouso, son internos e, no caso do boi enteiro, adoptan unha forma de "S" característica que se estende no momento da erección por relaxación do músculo retractor do pene. O prepucio ábrese ó exterior por unha abertura que fai protuberancia na rexión umbilical.

1806 **bicha** *s.f.* Pene do macho bovino. (PAre1).
1807 **corbacho** *s.m.* Vergallo do boi. (ERG).
1808 **gaita 1** *s.f.* Pene do macho bovino. (Común).
1809 **pene** *s.m.* Órgano copulador masculino. (DRAG2, ERG, XER).
1810 **picha** *s.f.* Pene. (Ancares2).
1811 **pisa 2** *s.f.* Ver PIXA /1812. (Dum., Gond., Salv3).
1812 **pixa** *s.f.* Pene do macho bovino. (Com1, Gui., Incio, Mez., Pantón, Per., SComba, Toba, Vala., Xun2).
1813 **pixo** *s.m.* Ver PIXA /1812. (Ancares2, Cab., Com1, Ped1, Porto).
1814 **porro** *s.m.* Pene. (Ancares2).

[452] O río Cúa percorre o Bierzo de norte a sur, dende o nacemento nos límites entre León e Asturias ata desaugar no Sil á altura de Toral de los Vados. Bárcena e Sésamo son dúas localidades á beira do río.

1815 **verga 1** *s.f.* Ver VERGALLO /1818. (Gun., Incio).
1816 **vergalleira** *s.f.* Ver VERGALLO /1818. Por extensión, o látego que se fai con el para dar vergallazos. (Incio, Mez., Mon., Pont.).
1817 **vergalleiro** *s.m.* Ver VERGALLO /1818. (Cal., Ram.).
1818 **vergallo** *s.m.* Pene do macho bovino. Despois de seco úsase como látego. (Burón, Cab., Cam1, Com1, ERG, Gui., Laxe, Mel1, Mez., Mra., Ped1, Suarna, Toba, Vala., Ver1).
1819 **vergalloto** *s.m.* Ver VERGALLO /1818. (Viñoás).

2.3.21.4. A vulva

Última parte do canal xenital feminino, que se abre ó exterior no perineo, baixo o ano. Presenta dous labios grosos e pregados e dúas comisuras. Na comisura ventral pode apreciarse o extremo visible do clítoris.

1820 **catavís** *s.m.* Vulva. (ERG).
1821 **cicraña** *s.f.* Vulva. (Piquín).
1822 **cona** *s.f.* Vulva da vaca. (Gud., Saiar).
1823 **contomenia** *s.f.* Vulva. ¿Aplicaráselle tamén ás vacas? (Piquín).
1824 **cortadas** *s.f pl.* Vulva da vaca. (Anca).
1825 **cría 2** *s.f.* Vulva da vaca. (Arme.).
1826 **culleira** *s.f.* Vulva da vaca. (CTui).
1827 **ferrecha** *s.f.* Vulva da vaca. Aínda que supoñemos que se trata dun erro por *perrecha*, denominación ben coñecida e estendida por toda Galicia, esta variante, que só aparece con este único informante, aparece claramente escrita con efe inicial. (Enxames).
1828 **fibeleta** *s.f. euf.* O noso informante defíneo como "aparato genital de la hembra". Supoñémolo eufemismo por vulva. (Ancares2).
1829 **mascusia** *s.f.* Vulva da vaca. (Vcova.).
1830 **mexadeira** *s.f.* Vulva da vaca. (Callo.).
1831 **nacedoiro 1** *s.m.* Ver NACENCIA 1 /1833. (Pont., Ver2).
1832 **nacedouro** *s.m.* Ver NACENCIA 1 /1833. (Frei., Gond., Morga., Mosen., Zamáns).
1833 **nacencia 1** *s.f.* Vulva da vaca. (Antas3, Arzúa2, Carde., Carr-C, Cer., Com1, Conxo, Corre., Cur., Feás-A, Fózara, Mel1, Mira., Mon., Noalla, Parga, Pedro., Piñor, Poulo, Santi., Sende., Sob., Troán1, Vviño.).
1834 **nacenza 1** *s.f.* Ver NACENCIA 1 /1833. (Gro4, Rus).
1835 **nación 1** *s.f.* Ver NACENCIA 1 /1833. (Fol-LE, Porto).
1836 **nasedouro** *s.m.* Ver NACENCIA 1 /1833. (Randu.).
1837 **nasensia** *s.f.* Ver NACENCIA 1 /1833. (Cang2, Corb., Fuxás, Pal., Vnova2).
1838 **natura** *s.f.* Vulva, abertura exterior do aparato xenital feminino. ERG defíneo eufemisticamente como "las partes genitales". (Común. ILG:146 (C:73, LU:32, OU:14, PO:26, GExt.: 1)).
1839 **naturadas** *s.f. pl.* Ver NATURA /1838. (Anca).
1840 **naturea** *s.f.* Ver NATURA /1838. (Estr4).
1841 **netura 1** *s.f.* Ver NATURA /1838. (Anseán, Arzón, Bar-Co., Carbal., Carño2, Ced., Cod., Cre., Dozón, Laxosa, Meira2, Negra., Pade., Rib-S, Ribe1, Somo2, Teo, VFrore.).
1842 **papuda** *s.f.* Ver PAPUXA /1843. (SComba).
1843 **papuxa** *s.f.* Vulva da vaca. O noso informante escribe *papuja*. No barallete é *vulva* en xeral, non só da vaca (Morei.:279). (Com1, Incio, Morei., Piquín, Ram.).
1844 **parideiro 1** *s.m.* Vulva da vaca. (Piquín).
1845 **paxara 2** *s.f.* Vulva da vaca. (Nove., Saiar).
1846 **paxarela 2** *s.f.* Ver PAXARA 2 /1845. (CTui, Valad2).
1847 **paxareta** *s.f.* Ver PAXARA 2 /1845. (Tabor.).
1848 **perracha** *s.f.* Ver PERRECHA /1850. Advertimos que o texto do noso informante presenta nesta palabra un borrancho que fai insegura a lectura da vogal tónica. (Oza).
1849 **perrata** *s.f.* Ver PERRECHA /1850. (Feás-A).
1850 **perrecha** *s.f.* Vulva. (Ced., Cod., Com1, Gui., Incio, Mez., Nove., Porto, Ram., SComba, Sob.).
1851 **rata** *s.f.* Vulva da vaca. (Corre., Pravio).
1852 **ratuxa** *s.f.* Vulva da vaca. (Corre.).
1853 **vesiga** *s.f.* Vulva da vaca. Así o define a nosa fonte. (Meir.).
1854 **vulva** *s.f.* Abertura externa da vaxina. (ERG).
1855 ***naturalesa** *s.f.* Ver *NATURALEZA /1856. (Lampón).
1856 ***naturaleza** *s.f.* Vulva da vaca. (Cervá1, Cervá2, Crendes, Guil2, Lamas, Oliv., Sabu3, Salv3, Val-LE, Vxoán.).
1857 **cona da vaca** *s.comp.f.* Vulva da vaca. (Tabor.).
1858 **cono da vaca** *s.comp.m.* Vulva da vaca. Curiosamente conserva o xénero masculino que esta palabra tiña en latín. (Tabor.).

Muller fraca, cona de vaca. (Gro5; Antas4; XTC4; Vigo3) [453]

2.3.22. O ano

É a abertura posterior do aparato dixestivo, situada na parte superior do perineo, debaixo do nacemento do rabo. Incluímos neste grupo de voces a *rexión anal*, que forma unha cavidade máis ou menos marcada (*cova*) e está limitada inferiormente polas tuberosidades isquiáticas da pelve.

[453] No texto: *flaca* (XTC4 e Vigo3).

1859 **cenzo** *s.m.* Ano, cu. (ERG).
1860 **co** *s.m.* Ano, cu. (Com1).
1861 **cu** *s.m.* Ano. (Común).
1862 **cueira** *s.f.* A nosa fonte defíneo como "illarga" pero parécenos que debe se-la cavidade anal. (Nive.).
1863 **curso 1** *s.m.* Ano. No *Glosario de voces galegas de hoxe* aplícano ó ano do meniño. (Ctel1, ERG, Gro3).
1864 **ollal 2** *s.m.* Cavidade da rexión anal ou do *ollo do cu*. (Cam1).
1865 **perineu** *s.m.* Espazo que hai entre o ano e os xenitais. (ERG).
1866 **selso** *s.m.* Ver SENSO /1867. (Ver6).
1867 **senso** *s.m.* Ano. (ERG).
1868 **senzo** *s.m.* Ver SENSO /1867. (ERQ2).
1869 **fosas do rabo** *s.comp.f. pl.* A nosa fonte defíneo como "illarga" pero debe ser erro de transcrición por cavidade anal. (PSeca).

O boi fraco trai a merenda debaixo do rabo. (ERG:boi) [454]

2.3.23. As mans

O gando vacún, como acontece en tódolos cuadrúpedes, posúe catro patas. A efectos simplemente didácticos diferenciaremos entre as extremidades anteriores, que chamaremos *mans,* e as posteriores, *patas*. As adiviñas, en cambio, refírense indistintamente a unhas e outras, como diremos en 2.3.24.

As mans comprenden, de arriba a baixo, a *pa*, o *xeonllo*, o *soltadoiro*, o *pé* e o *casco* ou *pezuño*.

1870 **man 1** *s.f.* Cada unha das extremidades anteriores ou dianteiras dos bovinos. (Común).
1871 **mau** *s.f.* Ver MAN 1 /1870. (Hermi., Mez., Ver1).
1872 **man d'adiante** *loc. s.* Parte superior das patas dianteiras. A nosa fonte escribe *man da diante*. (Sisán).
1873 **mau d'adiante** *loc. s.* Ver MAU /1871. *A vaca Cereixa, que era cobizada n-a parroquia, andaba un pouco tourona, y-ó levala donde o corpo lle pidía, ó chegar ós Tres Rigueiros, n-a misma Ponte, deu unha arrinca e crebou as maus d'adiante; por esta entrequenencia foi pro coitelo ó disbarate*. (Aleixos2:3).

2.3.23.1. A pa

É a parte superior das extremidades anteriores, e corresponde anatomicamente coa escápula. O desenvolvemento muscular da zona depende da aptitude do animal, cárnica ou leiteira.

1874 **apá** *s.f.* Ver PA 1 /1877. (Gro4).
1875 **man 2** *s.f.* Parte superior das patas dianteiras. Nove2 realmente escribe *mans palas*, supoñemos que se trata de que lle chaman *mans* e tamén *palas* e así o consignamos. (Nove2, Peroxa).
1876 **ombreira** *s.f.* Parte correspondente á escápula dos animais. As nosas fontes escriben *hombreira*. (MCouso, Xun2).
1877 **pa 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Parte superior das patas dianteiras, chamada así porque asenta sobre a escápula ou omoplata. En plural recólleno Cervá1, Crendes, Cruído, Dis., Leir-A, Macei., Nove2, Ortoño e Ribe2. (ILG:51 (C:27, LU:3, OU:4, PO:17)).
1878 **paa** *s.f.* Ver PA 1 /1877. (Cang2).
1879 **padia** *s.f.* Ver PÁDOA 1 /1880. (Sende.).
1880 **pádoa 1** *s.f.* Parte superior das patas dianteiras. (Alla2, Vala.).
1881 **padua** *s.f.* Ver PÁDOA 1 /1880. En plural recólleo Vala1. (Lañas, Lendo, Medín, Vala1).
1882 **paela 1** *s.f.* Parte superior das patas dianteiras. (Ced., Oirán).
1883 **paíña** *s.f. Ú. m. en pl.* Parte superior das patas dianteiras. (Abe.).
1884 **paleta 1** *s.f.* Rexión da pa, sobre a escápula. (ILG:43 (C:22, LU:5, PO:16)).
1885 **zanco** *s.m.* Parte superior das patas dianteiras. (Enxames).
1886 ***cernilla 2** *s.f.* A nosa fonte define como "Parte superior das patas dianteiras". Pero coidamos que por esa definición e pola raíz presente noutras palabras, debe designa-la "parte correspondente ó cartílago de prologación da escápula" ou simplemente "a cruz". (Santi.).
1887 ***espalda** *s.f.* Parte superior das patas dianteiras. (Antas3, Callo., Gud., Rib-S, Taboa.).
1888 ***espaldilla** *s.f. Ú. t. en pl.* Parte superior das patas dianteiras. En plural recólleo Cunt2. (Caban., Carbal., Cunt2, Mon., Piñei2, Teo, Veste.).
1889 ***pala 1** *s.f.* Pa, parte superior das patas dianteiras.

[454] Nos bóvidos fracos prodúcese unha cova na rexión anal, baixo o rabo, na que se acumula a bosta.

En plural recólleno Mondo2 e Nove2. (ILG:50 (C:23, LU:9, OU:8, PO:9, GExt.: 1)).

1890 ***paletilla 1** *s.f.* Parte superior das patas dianteiras, que asenta sobre a escápula e o úmero. (Barre., Borre., Carbal., Cerd2, Cere., Chan., Fol-LE, Melias, Mondo1, Negral, Sabu3, Tabor., Val-LE).

1891 ***peletilla** *s.f.* Ver *PALETILLA 1 /1890. (Mez.).

1892 **cadril de diante** *s.comp.m.* Parte superior das patas dianteiras. (Guil2).

1893 **cuadril de diante** *s.comp.m.* Ver CADRIL DE DIANTE /1892. Nótese aquí a isoglosa *catro, cal, cadril, gadaña, garda / cuatro, cual, cuadril, guadaña, guarda*. (Guil2).

1894 **cuarto da perna de diante** *s.comp.m.* Parte superior das patas dianteiras. (Lago).

1895 **lacón de diante** *s.comp.m.* Parte superior das patas dianteiras. (Medín).

1896 **pa de diante** *s.comp.f.* Ver PA 1 /1877. (Alla2, Arzón, Culle., Verdía).

1897 **perna de diante** *loc. s.* Parte superior das patas dianteiras. (Agro.).

1898 ***espalda de diante** *loc. s.* Parte superior das patas dianteiras. Gui. escribe realmente *a espada de diante*. (Arroxo, Couce., Gui.).

2.3.23.2. O xeonllo

Chámase xeonllo o artello carpo-metacarpiano, nas extremidades anteriores, nas mans. Repárase en que esta rexión no home non correspondería ó cóbado, como erroneamente se cre, senón ó pulso.

Máis frecuentemente recibe o mesmo nome de xeonllo o artello equivalente nas patas traseiras.

1899 **xogadoiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Artello das patas. Parade. lematízao en pl. (Parade.).

1900 ***rodilla 1** *s.f.* Xeonllo, articulación carpo-metacarpiana. (Cam2).

1901 **xoga de diante** *s.comp.f.* Xeonllo. (Aranga).

2.3.24. As patas

Como xa dixemos antes, buscando unha mellor clasificación das voces, denominamos *patas* as extremidades posteriores, a índa que nas adiviñas non se diferencia entre mans e patas, denominándoas indistintamente *andadores*, *andantes*, *catro na cama* / *na lama*, *corremontes*, *danzantes*, *oito baten a calzada* / *pisan o camiño* / *van polo camiño*, *palitroques*, *rodamontes*, *roldamontes*, *rozamontes*, *saltamontes*, *trepes-trepes*, *trizamontes*. Para ver esas adiviñas, reléase o apartado 2.3.10. *Os cornos*.

1902 **andador** *s.m. Ú. m. en pl.* Pata. Úsase nas adiviñas. (PM:363).

1903 **danzante** *s.m. Ú. m. en pl.* Pata. Úsase nas adiviñas. (PM:209, PM:215).

1904 **palitroque** *s.m. Ú. m. en pl.* Pata. Úsase nas adiviñas. (PM:217).

1905 **pata 1** *s.f.* Cada unha das catro extremidades dos animais. ERG especifica que comprende o pé e maila perna. (ERG, Gud4, Sete-L).

1906 **perna 1** *s.f.* Cada unha das extremidades posteriores dos bovinos; normalmente aplícase á parte muscular. (Cab., Cam2, Cre., ERG, Noalla3, Per., Porto, Sob., Vil.).

1907 **corremontes** *s.comp.* Pata. Úsase nas adiviñas. (PM:204, 210, TCha.).

1908 **pasamontes** *s.comp.* Pata. Úsase nas adiviñas. (PM:210).

1909 **pata d'atrás** *s.comp.f.* Extremidade posterior. (Bidu., Calo).

1910 **rodamontes** *s.comp* Pata. Úsase nas adiviñas. (Gud9, VG:20.08.1988).

1911 **roldamontes** *s.comp* Pata. úsase nas adiviñas. (ERG).

1912 **rozamontes** *s.comp.* Pata. Úsase nas adiviñas. (PM:210).

1913 **saltamontes** *s.comp.* Pata. Úsase nas adiviñas. (ERG, VG:23.11.1985).

1914 **trepe-trepe** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Pata. Úsase nas adiviñas. (PM:224).

2.3.24.1. A coxa

As coxas no gando, coma no caso da xente, corresponden á masa muscular que asenta sobre o fémur e, naturalmente, son máis voluminosas nos animais de produción cárnica que nos animais de produción láctea.

A parte posterior da coxa, o que veriamos poñéndonos detrás da vaca, é a *polpa*. Na súa parte inferior están os xarretes e na unión coa bésta forma unha curva cara a dentro que é o que chamamos *corva*.

Na selección gandeira búscase que sexan moi musculadas e convexas, sobre todo nos machos, sen depresións aparentes ó exterior entre as masas musculares, así como que a musculatura da polpa descenda o máis posible cara á bésta.

1915 **anca** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das dúas metades do terzo posterior do gando bovino. (Cab., Com1, Dum., ERG, Gui., Meir., Per., Ram., Sob., Vala.).
1916 **cacha 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Coxa. A nosa fonte defínea como bésta. (Corre., Morai.).
1917 **conxa** *s.f.* Ver COXA 1 /1921. (Caa., Cab., Cur., ERG, Feás-A, Razo).
1918 **conxote** *s.m.* Ver COXA 1 /1921. (ERG).
1919 **couxo** *s.m.* Ver COXA 1 /1921. (ERG).
1920 **couxón** *s.m.* A nosa fonte defíneo como bésta, pero posiblemente sexa a *coxa*. Definímolo así en vista de que temos *couxo* co significado de coxa. Parécenos que debe ser unha variante. (Rama.).
1921 **coxa 1** *s.f.* Parte muscular da perna da vaca que ten o esqueleto formado polo fémur. Naturalmente, esta voz aplícase tamén para designa-la parte correspondente noutras especies animais e no home. Constantino García recolle o seu uso literario con estes exemplos: *os xionllos tan subidos de máis que apenas lle queda un anaquiño de coxa* (Castelao)*, co violoncello entre as coxas* (Pimentel), *Leda co cisne entre as coxas* (Iglesias Alvariño), *pegándome bilisquiños nas coxas* (Blanco Amor), *estará coa mao estendida sobre unha coxa* (M. Ferrín), *apoiou tranquilamente as mans sobre as coxas* (Casares) (CGG2: *As coxas*, 750). Algunha das nosas fontes defíneo como "rodilla de la pata trasera" (Laiosa, Mira., Penela) ou "corvejón de las patas traseras" (Piñe.). (Común).
1922 **coxote** *s.m.* Ver COXA 1 /1921. (CP, ERG, Fri., Incio, Lan., Vilaf.).
1923 **coxoto** *s.m.* Ver COXA 1 /1921. (Cal., CP, ERG, Mra.).
1924 **cuxa 3** *s.f.* Ver COXA 1 /1921. (Cam1, Toba).
1925 **cuxote 1** *s.m.* Ver COXA 1 /1921. (Com1, Ped1, Toba).
1926 **lomedro 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Coxa. Lémbrese que para ERG, *lomedro* é o fémur, óso que soporta a musculatura da coxa. (LG).
1927 **nalga** *s.f. Ú. m. en pl.* Coxa. (Abadín).
1928 **perna 2** *s.f.* Coxa. (Com4).
1929 **polpa 1** *s.f.* Parte carnosa da parte de atrás da coxa. (Cam1, Ribad.).
1930 **queixote** *s.m.* Coxa. A nosa fonte defíneo como bésta. Temos como variantes de coxa as seguintes: *conxote*, *coxote*, *coxoto*, *cuxote* e *quixiño*, todas elas demasiado semellantes a *queixote*, polo que clasificamos esta voz aquí como coxa. (VFrore.).
1931 **quixiño** *s.m.* Coxa. (Lan.).
1932 **xamón** *s.m.* Coxa da vaca. (Tras.).
1933 ***muslo 2** *s.m.* Coxa. Aínda que esta palabra proceda do latín *musculu*, o seu uso nesta acepción adoita considerarse castelanismo, é dicir, introducido polo castelán, xa que o tradicional en galego é designar esta realidade coa palabra *coxa*. (Burela1, Macei.).
1934 **pernil d'atrás** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Coxa. A nosa fonte defíneo como "parte do ventre da vaca inmediata ó ubre". (Verdía).

2.3.24.2. A sofraxe

1935 **bestra 2** *s.f.* Sofraxe. LG di: *A curvatura das patas é a bestra*. (LG).
1936 **corva** *s.f.* Sofraxe. (Bolo, Carr-G, Cast., Mez., Peno.).
1937 **curva 1** *s.f.* Ver CORVA /1936. A nosa fonte escribe *acurva*. (Figue2).
1938 **curvina** *s.f.* Ver CORVA /1936. Supoñemos que esta *curvina* será a corva e non a bésta. (Leir-A).
1939 **ofraxe** *s.m.* Corva. (ERG).
1940 **sofraxe** *s.f.* Curva das patas traseiras formada polos músculos que asentan sobre a tibia e que ocultan a articulación da rótula. Oirán non indica xénero. En plural recólleo ERG. (Com1, ERG, Oirán).
1941 **sufraxe 1** *s.m./f.* Ver SOFRAXE /1940. En Piquín ten xénero fem. ERG dálle xénero masculino, aínda que en *sofraxes* dábao feminino. (Burón, Ced., ERG, Piquín, Suarna).
1942 **xufraxe** *s.f.* Ver SOFRAXE /1940. (Sob.).
1943 **curva da zanca** *s.comp.f.* Ver CORVA /1936. (Peroxa).
1944 **curva das patas de atrás** *s.comp.f.* Ver CORVA /1936. (Oroso1).

2.3.24.3. O tendón

Tipicamente, tódolos músculos do corpo constan dunha parte central formada por tecido propiamente muscular (o que denominamos comunmente carne) e unha parte fibrosa nos extremos pola que se fixa nos ósos sobre os que actúan: os tendóns. Estes son feixes de fibras de coláxeno que transmiten a forza da contracción muscular e provocan así o movemento da articulación correspondente. Nesta epígrafe referímonos exclusivamente ó tendón que na pata traseira fixa os músculos da coxa no calcañar, tecnicamente, o tendón do músculo gastrocnemio. No home corresponde ó tendón de Aquiles.

1945 **balastón** *s.m.* Ligamento que une os músculos da perna ó óso calcáneo. (Arroxo).
1946 **balistrón** *s.m.* Tendón. Ver nota á mesma voz no apartado 5.7.1. *Os tendóns*. (ERQ).
1947 **corda 4** *s.f.* Tendón dos músculos que destaca ó exterior. Xeralmente aplícase ó tendón que se fixa no calcaño. (Caa., Cab., Com1, CP, Cur., Feás-A, Gui., Gun., Toba).

1948 **tendón** *s.m. Ú. t. en pl.* Feixe de febras polo que se fixan músculos da perna no óso calcáneo. Eixo e Negra. lematizan o plural en *tendós*. (Com1, Cur., Dum., Eixo, Fara., Gud., Laxe, Mra., Negra., Per., Porto, San., SComba, Vcova., Vil., Vxoán., Xun.).

1949 **toldón** *s.m.* Ver TENDÓN /1948. A nosa fonte defíneo como bésta. (Bas., Tab1).

1950 **tendón da pata** *s.comp.m.* Ver TENDÓN /1948. (Lestón).

2.3.24.4. As béstas

Anatomicamente é o artello tibio-tarso-metatarsiano, equivalente ó calcaño no home. Ás veces chámanlle tamén *xeonllo* ou coas formas acastrapadas *corvallón, corvaxón, corvellón* ou as súas variantes, pero o equivalente ó xeonllo humano atópase máis arriba, á altura da virilla.

1951 **abeaca** *s.f. Ú. m. en pl.* Articulación tibio-tarsiana que corresponde ó calcañar humano. (Anseán, Antas3, Cadrón, Callo., Carbal., Codeso., Lava., LG, Mel1, Nove., Pedro., Piñor, Rendal).

1952 **abespa** *s.f.* Ver BÉSTA /1962. A nosa fonte escribe *avespa*. (Dozón).

1953 **abesta** *s.f.* Ver BÉSTA /1962. Rivas Quintas explica que é o mesmo que *besta* con a protético. (ERQ2, Lamas, Mra., Piñei).

1954 **abestia** *s.f.* Ver BÉSTA /1962. A nosa fonte escribe *avestia*. (Sabu3).

1955 **abiaca** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ABEACA /1951. As nosas fontes escríbeno *ablacas* (Carño2, ¿erro por *abiacas*?), *aviacas* (Pre.) e *aviaca* (Boi.). (Boi., Carño2, LG, Pre.).

1956 **abieca** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ABEACA /1951. (LG).

1957 **almoada 2** *s.f.* Bésta. A nosa fonte escribe *almohada*. (MCouso).

1958 **artello** *s.m. Ú. m. en pl.* Articulación. Os nosos informantes refírense preferentemente á articulación tibio-tarsiana. (Común).

1959 **beaca** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ABEACA /1951. Com1 dáo en plural. (Com1, Couso).

1960 **bellaca** *s.f.* Ver BEACA /1959. (Verdía).

1961 **bespa** *s.f.* Ver BÉSTA /1962. A nosa fonte escribe *vespa*. (Camba).

1962 **bésta** *s.f.* Xeonllo, articulación tibio-tarsiana. Queremos resaltar que esta *bésta* debe tela vogal tónica aberta e niso se distingue do animal do mesmo nome *besta* con vogal tónica pechada. *A vaca partíu a pata pola bésta* (Parade.). Consta. escribe *vestas*. Algunha vez pensamos que este *bésta* fose o antigo *ballista* (de onde os nomes de oficio *beesteiro, besteiro / ballestero / ballester*, galego, castelán e catalán respectivamente), dado que con nervos de boi, maiormente os que veñen ás articulacións das extremidades, que son os que teñen un metro ou máis de longo e son menos difíciles de illar do resto da carne e que era o material co que antigamente se facían non só as xostras máis crueis para flaxelar senón tamén os elementos tensionadores das armas da artillería romana Esta hipótese está avalada por algúns lexicógrafos. Con todo iso, o dobre ele da palabra latina *ballista* constitúe unha dificultade, porque hai que supoñer unha moi temperá simplificación da xeminada latina (ll) para que dese tempo a que o ele simple secundario (l) desaparecese na época na que ese proceso foi normal en galego. (Cere., Consta., Gun., Laxosa, Parade., PSeca, PSil, Samos3, Vixoán., Xun., Xun2).

1963 **bestia** *s.f.* Ver BÉSTA /1962. (Antas3, Mon., Vrei.).

1964 **bestra 1** *s.f.* Ver BÉSTA /1962. Santi. escribe *vestra*. (ERQ, Mondo1, Negral, Piquín, Santi., Sende.).

1965 **biaca** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ABEACA /1951. A nosa fonte (Tab3) escribe *viaca*. (Com1, Tab1).

1966 **calcañal** *s.m.* Ver CALCAÑAR /1967. (Com1, Mel1, Mra., Ram.).

1967 **calcañar** *s.m.* Rexión sobresaínte da pata que asenta sobre o óso calcáneo. (Cab., Cod., Feás-A, Mez., Mon., Oirós, Pantón, Pont., Ram., Sob., Vil.).

1968 **calcaño 1** *s.m.* Ver CALCAÑAR /1967. (Ben., Burón, Ced., Cod., Com1, Cre., Feás-A, Ped., Suarna).

1969 **canal 2** *s.* Bésta. A nosa fonte non especifica xénero gramatical. Non sabemos se terá algunha relación semántica, pero o certo é que, tralo sacrificio da res, a canal cólgase precisamente polo tendón que se fixa no calcañar. (Meir.).

1970 **cancañar** *s.m.* Ver CALCAÑAR /1967. (Vala.).

1971 **cancaño** *s.m.* Ver CALCAÑAR /1967. (Ced.).

1972 **carcañal** *s.m.* Ver CALCAÑAR /1967. (Com1, Fri., Goián, Gro1, Gui., Laxe).

1973 **carcaño** *s.m.* Ver CALCAÑAR /1967. (Mel1).

1974 **cóbado** *s.m.* Bésta. Estr4 escribe *cobado*. (Estr4, Mora5).

1975 **cobillo** *s.m.* Bésta. (Guil2).

1976 **codelo** *s.m.* Articulación tibio-tarsiana. (Com1, Grixoa).

1977 **consoghón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. A nosa fonte escribe *consojón*. (Morga.).

1978 **conxigón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Cab.).

1979 **conxón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Rama.).

1980 **corbión** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Fol-LE).

1981 **cordexón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Poulo, Vviño.).

1982 **cordieira 2** *s.f.* Bésta. É posible que o informante se refira a unha *vaca cordieira*. Ve-lo comentario a SOLTADOIRO /2133. (Nive.).

1983 **cordillón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Ibias1).
1984 **cordobaxón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Cab., Gui., Per.).
1985 **cornexón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Baltar, Busta.).
1986 **correghón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. A nosa fonte escribe *correjón*. (Valad2).
1987 **corvaghón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. A nosa fonte escribe *corvajón*. (Ben.).
1988 **corvaxón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Caa., Cab., Cre., Fre., Mondo2, Oirán, Parga, Ped1, Piñe., Rábade, Vala.).
1989 **corvellón** *s.m.* Articulación da tibia co metatarso. (ERG, Troán1).
1990 **corvexón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Abadín, Ced., Ced., Corb., Cubi2, Mondo1, Pal., PCal2, Porto, Randu., Santi., Vala1, Veste.).
1991 **corvillón 1** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Estr3, Piñei2, Vi-Val.).
1992 **coxighón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. A nosa fonte escribe *coxijón*. (Negra.).
1993 **curva 2** *s.f.* Ver CURVAXÓN /1994. (Gud5).
1994 **curvaxón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Ced., Gud.).
1995 **curviyón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. (Vill-O).
1996 **chambrón** *s.m.* Bésta. (Fre.).
1997 **escorvaxao** *s.m.* Bésta. A nosa fonte escribe *escorbaxao* e tamén temos dúbidas sobre a categoría gramatical desta palabra que nos chega como resposta a unha pregunta por un substantivo pero que ten aire de ser un adx. (Laiosa).
1998 **ghonso** *s.m.* Bésta. A nosa fonte escribe *jonso*. (Oroso2).
1999 **ghonzo** *s.m.* Bésta. A nosa fonte escribe *jonzo*. A mesma fonte dános esta palabra con seseo e sen el. Como estes datos están recollidos no final da década dos sesenta, percíbese un leve desprazamento cara Occidente da isoglosa do seseo, xa que entre 1942-1945 Zamora Vicente aínda situara esta isoglosa no límite oriental deste concello. (Oroso2).
2000 **lagarto 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Bésta. En plural recólleno Abe., Baíñas, Cam4, Casal., Couce., Figue1, Lampón, Medín, Negr2, Pal., Ribe2. (Abe., Baíñas, Cam4, Casal., Com1, Couce., Figue1, Lampón, Macei., Medín, Negr2, Nive., Pal., Razo, Ribe2, Tapia-C).
2001 **laghartos 1** *s.m.pl.* Ver LAGARTO 2 /2000. As nosas fontes escriben *lajartos*. (Abe., Baíñas, Cam4, Casal., Couce., Figue1, Lampón, Medín, Negr2, Pal., Ribe2).
2002 **lasada** *s.f.* Ver LAZADA /2003. (Buga-N).
2003 **lazada** *s.f.* Calcañar da vaca. (Arroxo, Bale., Baltar, Bolo, Burgo, Burón, Ces., Laxosa, Peno., Rendal, Rib-E, Ribe1, Sisto, Suarna, Valen., Vedra, VFrore., Vilar, Vill-O).
2004 **lazar** *s.* Calcañar da vaca. (Laxe).
2005 **lubato** *s.m.* Bésta. A nosa fonte escribe *luvato*. É posible que na aparición deste nome xogase a semellanza con outra acepción máis común da palabra *lobato*, que é a que recollen diversos lexicógrafos definíndoa como "s. m. Extremo o parte superior del eje de un RODICIO o rodezno, que se une al cuerpo de éste por medio de una muesca o entalladura y unos TORNOS, chavetas o pasadores". (Lous.).
2006 **maza 5** *s.f.* Bésta. (Ribó).
2007 **nartello** *s.m.* Bésta. (CarbCo).
2008 **nórdigha** *s.f.* Bésta (Grixoa).
2009 **patuxa** *s.f.* Bésta (Macei.).
2010 **rodela 1** *s.f.* Bésta. Ver RÓTULA /2011. (Carr-G, Neves2, Ribó, Salv3).
2011 **rótula** *s.f.* Bésta. Sorpréndenos esta denominación que nos parece un caso de ultracorrección. En calquera caso, a rótula non está neste artello. (Conxo).
2012 **vides** *s.* Bésta. (Bar-Co., Gaxate).
2013 **vitela 3** *s.f.* Bésta. Morai. escríbeo *bitela*. (Cam2, Morai.).
2014 **xarrete 2** *s.m. Ú. t. en pl.* Bésta. Dado que é polo xarrete traseiro polo que se colgan os animais sacrificados para esfolalos e dado que, nesa situación, teñen certa semellanza cunha xerra, é posible que a denominación nacese desta imaxe e, por extensión se acabase estendendo á rexión equivalente das patas dianteiras. (Anca, Arca, Boi., Caa., Cabal., Carb3, Carde., Ces., Covas, Crendes, Culle., Cur1, Gui., Lañas, Leir-A, Lendo, Lestón, Noice., Pade., Parga, Razo, Ribe1, Rus, Sofán, Vilaf., Vmaior, Vnova2).
2015 **xeonllo** *s.m. Ú. t. en pl.* Articulación da tibia co tarso e a do cúbito co carpo. Realmente o xeonllo é a articulación superior onda a virilla pero, vendo a altura á que está situada esta articulación e dada a dimensión tanto do metacarpo coma do metatarso, popularmente dáselle o nome de *xoello* e *xeonllo* á articulación da tibia co tarso e á do cúbito co carpo, porque parecen corresponder ó xeonllo humano. Mesmo así, algún informante ten claro que os verdadeiros xeonllos das vacas quedan semiocultos na zona das virillas. (Común).
2016 **xerrete 2** *s.m.* Ver XARRETE 2 /2014. (Corre., Dúas.).
2017 **xoello** *s.m.* Ver XEONLLO /2015. (ERG, IBA, Ver1, Vil., XLFG).
2018 **xoga 1** *s.f.* Articulación tibio-tarsiana, bésta. (Común).
2019 **xogadoiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver XOGA 1 /2018. (Parade.).
2020 **xogha** *s.f.* Ver XOGA 1 /2018. A nosa fonte escribe *xoja*. En plural recólleo Pre. (Cruído, Pre., Somo1, Somo2).
2021 **xogho** *s.m.* Ver XOGA 1 /2018. (Noalla3).
2022 **xollo** *s.m.* Ver XEONLLO /2015. (Sabu2).
2023 **xuegho** *s.m.* Ver XOGA 1 /2018. A nosa fonte escribe *xuejo*. (Conxo).

2024 **xugadeira** *s.f.* Ver XOGA 1 /2018. (Vixoán.).
2025 ***almoadilla 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Bésta. Quédano-la dúbida de se aquí se está denominando unha parte do corpo ou, máis probablemente, a inflamación desa rexión, neste caso unha sinovite, como así temos rexistrado concretamente en 33 lugares diferentes (entre eles dous puntos do mesmo concello da Estrada). Pero tamén é posible, segundo o que se ve noutros casos, que o nome da inflamación sexa unha extrapolación metonímica da parte á enfermidade. (Estr4).
2026 ***codillo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CODELO /1976. Bésta. (Com1, Figue1).
2027 ***codo** *s.m.* Bésta (Sisto).
2028 ***covaghón** *s.m.* Ver BÉSTA /1962. A nosa fonte escribe *covajón*. (Xudán1).
2029 ***morcillo** *s.m.* Bésta. Ver XARRETE 2 /2014. Quédano-la dúbida se en Dis. *morcillo* será un castelanismo por xarrete (a peza de carne que está nesa mesma zona) ou pola articulación. (Dis.).
2030 ***pulpillo 3** *s.m.* Bésta. A nosa fonte parece escribir *puepillos*. (Arzúa2, Vviño).
2031 ***rodilla 2** *s.f.* Bésta. En plural recólleo Taboa. Ver RÓTULA /2011. (Conxo, Gud., Lagar., Lago, Taboa., Vala.).
2032 ***rodilleira 3** *s.f.* Bésta. Xa temos *rodilleira* co significado de "calo nos xeonllos", localizado entre outros sitios en Cam1, Laxe e Com1. É probable que cando agora o definen como *corvaxón* estean realmente falando da inflamación neste artello, pero non podemos aseguralo. (Conxo).
2033 ***rodillera 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver *RODILLEIRA 3 /2032. (MCouso).
2034 ***rudilla** *s.f.* Ver *RODILLA 2 /2031. (Baíñas).
2035 ***tobillo 1** *s.m.* Bésta. (Mosén).
2036 ***todilla** *s.f.* Ver *TODILLO 2 /2037. (Figue2).
2037 ***todillo 2** *s.m.* Bésta. En plural recólleo Anca. (Anca, Busta., Lagar., Mon.).
2038 ***tudillo 2** *s.m.* Ver *TODILLO 2 /2037. (Ctel1).
2039 **óso da *rodilla** *s.comp.m.* Bésta. Realmente o equivalente á nosa *rodilla* é a articulación inmediata superior. (Carño2).
2040 **xoga d'atrás** *s.comp.f.* Ver XOGA 1 /2018. A nosa fonte escribe *xoga datrás*. (Aranga).
2041 **xogha da *rodilla** *s.comp.f.* Ver XOGA 1 /2018. A nosa fonte escribe *xoja da rodilla*. (Buga-A).
2042 **xogha de atrás** *s.comp.f.* Ver XOGA 1 /2018. A nosa fonte escribe *xojas de atrás*. (Neda).
2043 **xogho da pata** *s.comp.m.* Ver XOGA 1 /2018. A nosa fonte escribe *xojo da pata*. (Frei.).
2044 **xogo das patas** *s.comp.m.* Ver XOGA 1 /2018. (Cunt2).
2045 **xunta da pata d'atrás** *s.comp.f.* Bésta. (Alence).
2046 ***codo das pernas d'atrás** *s.comp.m.* Bésta. (Lucí).
2047 ***ghueso da perna de atrás** *s.comp.m.* Bésta. A nosa fonte escribe *jueso*. (Sisán).
2048 ***rodilla d'atrás** *s.comp.f.* Ver *RODILLA 2 /2031. A nosa fonte escribe *rodiya*. (Lucí).
2049 ***rodilla da pata d'atrás** *s.comp.f.* Ver *RODILLA 2 /2031. En plural recólleo Oroso1. (Oliv., Oroso1).
2050 ***rodilla da perna d'atrás** *s.comp.f.* Ver *RODILLA 2 /2031. (Verdía).
2051 ***rodilla traseira** *s.comp.f.* Ver *RODILLA 2 /2031. (CTui).

2.3.24.5. O metacarpo e o metatarso

A *cana* é a parte da pata que asenta sobre o metacarpo ou sobre o metatarso [455]. Debe ser vertical para asegurar un bo asentamento do animal, é dicir, que a vaca *pise ben*. Para que o lector poida facerse mellor unha idea, o metacarpo humano é o conxunto de cinco ósos que poden observarse claramente no dorso da man, e o metatarso, na empeña do pé.

2052 **canela 1** *s.f.* Rexión do metatarso. (Barre.).
2053 **pata 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Parte inferior das extremidades dos bovinos limitada polos xeonllos ou polas béstas. (Común).
2054 ***canilla 1** *s.f.* Rexión do metatarso. (Borre., Neda, Noalla3, Ortoño).
2055 ***caranilla** *s.f.* Rexión do metatarso. A nosa fonte escribe *caraniya*. (Arca).
2056 ***caravilla** *s.f.* Rexión do metatarso. En plural recólleo Fuxás. (Fuxás, Medín).

2.3.24.6. Os uñancros

Os uñancros son unhas pequenas uñas que poden verse na cara plantar das patas. Corresponderían ás uñas dos dedos residuais (II e V, índice e maimiño, para nos entendermos), pero só son unha formación cutánea sen base ósea ningunha baixo a pel (recobren un ou dous nódulos que son as falanxes residuais). Anatomicamente son equivalentes ós pezuños, pero moito máis rudimentarias.

[455] En realidade, tanto o metacarpo como o metatarso son dous ósos soldados lonxitudinalmente, correspondentes a cada un dos dous dedos que permanecen funcionais nos mamíferos diungulados, coma a vaca. No metacarpo queda incluso unha pequena crista na parte súpero-posterior que correspondería a un terceiro óso metacarpiano.

2057 **bescuño** *s.m.* Ver PESUÑO 2 /2078. (Com1).

2058 **casco 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. (Ribad.).

2059 **cozuncho** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. (Cervá1, Cervá2).

2060 **dedo** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. (Ortoño).

2061 **espolón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver ESPUNLLO 2 /2062. Antas3 lematiza o plural en *espolós*. (Antas3, Tab1, TapiaC, Valad2).

2062 **espunllo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. (Cabal.).

2063 **lagharto 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. A nosa fonte escribe *lajartos*. (Carb3, Lendo, Lestón, Noice.).

2064 **machiño** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver MACHO 3 /2065. *Debaixo dos machiños é onde se pexan os animais*. (LG, Mez., Vil., Xun2).

2065 **macho 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. (Enxames, Gud5, Lamas).

2066 **mallete** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. (Grixoa).

2067 **mamiña 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. (Camba).

2068 **nocello** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. Cabe a posibilidade de que con esta voz os nosos informantes estean denominado a articulación da pata, sobre a que asentan os uñancros, e non os propios uñancros, pero o feito de da-la forma de plural *nocellos* fai pensar que se refiren, efectivamente, ós uñancros. (Crendes, Lañas, Pravio, Suevos).

2069 **nullica** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver NOCELLO /2068. (Leir-A).

2070 **peguncho** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUNCHO 1 /2085. A nosa fonte defíneo realmente como "Articulación do pezuño" pero a similitude coas voces da mesma familia e o feito de que o lematice en plural fainos pensar nun erro. (Abadín).

2071 **pensuño** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PESUÑO 2 /2078. (Cam2).

2072 **pescunllo** *s.m.* Ver PESUÑO 2 /2078. (Gui.).

2073 **pescuño** *s.m.* Ver PESUÑO 2 /2078. (Chan).

2074 **pesuncho** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUNCHO 1 /2085. (Cang3, Vnova2, Xeve).

2075 **pesunlla** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PESUÑO 2 /2078. (Abe., Baña2).

2076 **pesunllo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PESUÑO 2 /2078. (Baíñas, Cer., Gui.).

2077 **pesuña** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PESUÑO 2 /2078. (Buga-N, Cam4, Casal., SComba).

2078 **pesuño 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. (Agro., Arme., Caa., Callo., Cang2, Carr-C, Cerd2, Corb., Figue1, Mira., Morai., Morga., Negr2, Pal., Rama., Ribe1, Valad1, Vnova2, Vxoán.).

2079 **pezcuño** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUNCHO 1 /2085. (Chan., Gui., Mon., Taboa.).

2080 **pezón 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUNCHO 1 /2085. As nosas fontes lematizan o plural *pezóns* (Macei.) e *pezós* (Ced.). (Ced., Macei.).

2081 **pezpullo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUNCHO 1 /2085. (Meira2).

2082 **pezpuño** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUNCHO 1 /2085. (Veste).

2083 **pezucho** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUNCHO 1 /2085. (Oroso1).

2084 **pezuncha** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PEZUNCHO 1 /2085. (Carr-G).

2085 **pezuncho 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. (Barre., Bolo, Cadrón, Cast., Cubi2, Meir., Mour1, Noalla, Oza, PCal2, Peno., Per1, Rábade, Rib-E, Valen., Vilar).

2086 **pezunllo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUÑO 2 /2089. O noso informante en Culle. lematiza *pezunyos*. (Couso, Culle.).

2087 **pezuña 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PEZUÑO 2 /2089. (Beman., Bidu., Calo, Codeso., Figue2, Lago, Pedro.).

2088 **pezuñía** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PEZUÑO 2 /2089. (Vill-O).

2089 **pezuño 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. En plural recólleno Alence, Alla2, Amandi, Arroxo, Burgo, CReis2, Cunt2, Dúas, Estr3, Fol-LE., Gud, Peroxa, Sabu2, Saiar, Samos3, Somo1, Somo2, Tabor., Vixoán. (Alence, Alla2, Amandi, Anca, Arroxo, Arzón, Burgo, Cam1, Cervá1, CReis2, Cunt2, Dúas, Eixo, Estr3, Fol-LE, Gro4, Gud., Laraxe, Lava., Lous., Nove2, Pedro., Peroxa, Piquín, Ribe2, Sabu2, Saiar, Samos3, Somo1, Somo2, Tabor., Vi-Val, Vixoán.).

2090 **pompullo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUÑO 2 /2089. (Meira2).

2091 **porpillón** *s.m.* Ver PEZUÑO 2 /2089. (Com4).

2092 **presullo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUÑO 2 /2089. (Cur1, Negral).

2093 **presunlla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PEZUÑO 2 /2089. (VLLM).

2094 **presunllo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUÑO 2 /2089. Ces. escribe *presunyos*. (Ces., Cur.).

2095 **presuña** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PEZUÑO 2 /2089. (Fózara).

2096 **presuño 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEZUÑO 2 /2089. (Damil, Dis., Lampón, Salv3, Vcova., Zolle).

2097 **toselo** *s.m.* Ver *TODILLO 1 /2111. A nosa fonte defíneo como bésta, cousa que nos parece errónea. (Buga-N).

2098 **tuselo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver *TODILLO 1 /2037. (SComba).

2099 **uña 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Uña pequena situada na parte posterior do pezuño da vaca. A nosa fonte en Com4 defíneas como bésta, que nos parece erro evidente. Supoñemos que se refire ó pezuño ou ós uñancros, como pode deducirse das outras voces *uñas d'atrás* e *uñas d'arriba*. (Borre., Buga-A, Com4, Cruído, Cur., Fara., Viso1, Viso2, Zamáns).

2100 **uñaco 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver UÑANCRO /2102. (Ben., Ced.).

2101 **uñanco** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver UÑANCRO /2102. (Xudán1).

2102 **uñancro** *s.m.* Uña pequena situada na parte posterior do pezuño. (Suarna, XER).

2103 **uñato 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver UÑANCRO /2102. (Rendal, Santi.).

2104 **uñete** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver UÑANCRO /2102. (Busta., CTui, Ram., Sabu3).

2105 **uñico** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver UÑANCRO /2102. (Fre., Rúa, Vala.).

2106 **uñín** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver UÑANCRO /2102. A fonte indica *uñines* como plural. (Val-LE).

2107 **uñote** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver UÑANCRO /2102. (Mosen.).

2108 ***casquillo** *s.m.* Ver CASCO PEQUENO /2113. (Medín).

2109 ***pulpillón 2** *s.m.* Uña pequena situada na parte posterior do pezuño da vaca. (Neda).

2110 ***tobillo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver *TODILLO 1 /2037. (San.).

2111 ***todillo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte de atrás da pata. (Antas3, Cab., Com1, Conxo, LG, Oroso2, San., Vala1).

2112 ***tudillo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver *TODILLO 1 /2037. En plural recólleno Carde., Pade., Poulo., Vviño. (Carde., Chan., Gro4, Melias, Mon., Noalla, Pade., Poulo, Ver1, Verdu., Vviño.).

2113 **casco pequeno** *s.comp.m.* Uña pequena situada na parte posterior do pezuño da vaca. (Codeso.).

2114 **ghamelo das uñas** *s.comp.m.* Cada unha das uñas pequenas situadas na parte posterior do pezuño da vaca. A nosa fonte escribe *jamelos*. (Aranga).

2115 **pesuño pequeno** *s.comp.m.* Ver PESUÑO 2 /2078. (Consta.).

2116 **unlla do lagharto** *s.comp.f.* Ver UÑA 2 /2099. A nosa fonte escribe *lajarto*. (Razo).

2117 **unlla pequena** *s.comp.f.* Ver UÑA 2 /2099. (Alla2, Bas., Couce., Rus, Sofán).

2118 **uña cativa** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver UÑA 2 /2099. (Burela1).

2119 **uña d'arriba** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver UÑA 2 /2099. A nosa fonte (Bar-Co.) defíneo como bésta, que nos parece erróneo. (Bar-Co., Piñor).

2120 **uña d'atrás** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver UÑA 2 /2099. A nosa fonte (Sisto) defíneo como bésta, que nos parece erróneo. (Noal, Sisto).

2121 **uña de tras** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver UÑA 2 /2099. (Gaxate, Sisto, Verdu.).

2122 **uña do macho** *s.comp.f.* Ver UÑA 2 /2099. (Vrei.).

2123 **uña do xarrete** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver UÑA 2 /2099. Estraña esta denominación porque o xarrete non está á altura dos uñancros nin como músculo nin como artello. (Vmaior).

2124 **uña pequena** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver UÑA 2 /2099. (Anseán, Baltar, Boi., Caban., Callo., CarbCo., Carbal., Fol-C, MCouso, Negra., Pre., Ribó, Teo).

2125 **uña *pequeña** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver UÑA PEQUENA /2124. (Mondo1).

2.3.24.7. O artello do soltadoiro

O nortello ou *soltadoiro* é a articulación do metacarpo ou do metatarso co primeiro óso dos dedos, e toma o nome dos uñancros, que asentan na parte posterior do artello. Dende aquí ó pezuño hai unha pequena rexión que forma unha depresión ou concavidade e que os gandeiros aproveitan para pexa-la vaca. De aí o nome de *soltadoiro* ou *pexadoiro* (de *soltar* ou *pexar*).

2126 **macho 2** *s.m.* Articulación que ten a vaca por riba do pezuño. (Mra.).

2127 **ortello** *s.m.* Articulación do pezuño. Así aparece no sintagma *escanella-lo ortello*. Lémbrese que en Ced., Noalla e Vill-O temos recollido *desortillarse* co significado de escorda-lo artello do pezuño. (PSeca).

2128 **pexadeiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PEXADOIRO /2129. (Carbal., Carño2).

2129 **pexadoiro** *s.m.* Depresión na pata do animal entre os uñancros e o casco, onde se amarra a pexa. PSeca recolle tamén esta voz co significado de uñancros, cremos que erroneamente. Estes están situados inmediatamente por riba desta depresión que sinalamos. Cfr. *soltadoiro* e similares no apart. 2.3.24.4. *As béstas*. (Ctel1, PSeca, Xun2).

2130 **saltadoiro** *s.m.* Ver SOLTADOIRO /2133. (Alla2).

2131 **soltadeiro** *s.m.* Ver SOLTADOIRO /2133. (Figue1).

2132 **soltadoira** *s.f.* Ver SOLTADOIRO /2133. (Razo).

2133 **soltadoiro** *s.m.* Pequena concavidade que se forma baixo o artello tarso-metatarsiano ou carpo-metacarpiano, e na que se lles coloca a solta ou maniota ás vacas. A nosa fonte (Anca, Leir-A, Medín, Nive., Oroso1, Sende.) defíneo como "parte do pé da vaca recuberta polo pezuño", cousa que nos parece inverosímil. Arca, Car2 e Lucí defíneno como os propios uñancros. En Teo e Agro. recólleno en plural. Outra posible explicación desta denominación para a rexión das béstas, acepción que tamén daban algunhas das nosas fontes, pode estar relacionada coa enfermidade

coñecida como *salto da corda*, na que se produce un desprazamento do tendón -ou corda- isquiotibial interno. A intervención cirúrxica necesaria para corrixi-lo problema consiste en corta-lo devandito tendón, o que se fai precisamente na cara interna das béstas. (Agro., Anca, Arca, Car2, Leir-A, Lucí, Medín, Meir., Nive., Oroso1, Sende., Teo).

2134 **soltaduiro** *s.m.* Ver SOLTADOIRO /2133. (Com4).

2135 **soltiaduiro** *s.m.* Ver SOLTADOIRO /2133. (Morai., Toba).

2136 **sultadoiro** *s.m.* Ver SOLTADOIRO /2133. (Cer.).

2137 ***minudillo** *s.m.* Rexión da pata onde asentan os uñancros. (Cere.).

2138 **pescozo do pé** *s.comp.m.* Ver SOLTADOIRO /2133. Coidamos que esta designación é suficientemente descritiva para atribuírlle este valor, aínda que as nosas fontes defíneno como parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Boi., Tab1, Vala.).

2139 **arriba do lagharto** *loc. s.* Rexión na que asentan os uñancros. A nosa fonte escribe *lajarto*. Supoñemos que é iso, porque a nosa fonte realmente dá unha descrición que nos parece imposible: "parte do pé da vaca recuberta polo pezuño". (Couce.).

2140 **quedar sin ghonsos** *loc. v.* Desconxuntarse a articulación que as vacas teñen enriba dos pezuños. A nosa fonte escribe *jonsos*. (Lucí).

2.3.24.8. O pé e o pezuño

Nas voces seguintes xa non facemos distincións entre as extremidades anteriores e as posteriores, xa que anatómica e funcionalmente son practicamente iguais. Tampouco no vocabulario recollido se establecen diferenzas.

Para dar unha imaxe gráfica co modelo humano diremos que a vaca, como os outros mamíferos diungulados (o porco, a ovella, a cabra) apoian no chan sobre o que sería a xema dos dedos III e IV (os nosos *corazón* e *anular*), sendo o casco ou pezuño o equivalente a unha uña modificada. Os outros dedos están totalmente atrofiados na vaca e mesmo desaparecen os ósos correspondentes.

A partir dos uñancros comenza o que no home serían os dedos. Esta parte da pata está provista tamén de tres ósos, o último deles totalmente recuberto polo pezuño.

A información inédita do arquivo do ILG ten un apartado que define como *parte do pé da vaca recuberta polo pezuño*. As voces que alí aparecen recollidas hai que entendelas como "parte interior do pé da vaca que recobre ou envolve o pezuño", non como algo que está *debaixo* do pezuño.

2141 **pata 3** *s.f.* Pé. Realmente estas fontes dan esta denominación para a parte do pé da vaca recuberta polo pezuño, pero por forza ten que ser resultado de que os informantes non tiñan nome especial para esa parte oculta pola que lles preguntaban e deron unha denominación xenérica e global. (Aranga, Bar-Co., Caa., Cruído, Fol-LE, Xeve, Zamáns).

2142 **pato** *s.m.* Ver PATA 3 /2141. ¿Sinónimo ou erro por *pata*? (Valad1).

2143 **pé 1** *s.m.* Extremo inferior das patas formado polos dedos e o pezuño que os recobre. As fontes definen como parte do pé da vaca recuberta polo pezuño pero véxase a nota a *pata 3*. (Conxo, Enxames, Fuxás, Ortoño).

2.3.24.8.1. O pezuño (o casco)

Trátase dunha formación cutánea dobre, de natureza córnea, que protexe o extremo inferior do pé envolvendo a última falanxe e tomando a súa forma. Para nos facermos unha idea aproximada, sería coma se as nosas uñas cubrisen (rodeasen) toda a terceira falanxe do dedo e non só a súa cara superior.

Presentan, cada un dos pezuños, unha cara externa convexa, unha cara interdixital cóncava que só contacta coa parella nos extremos anterior e posterior, e unha cara palmar groseiramente triangular que describiremos no apartado seguinte. A parede exterior do pezuño é dura e típica da súa natureza córnea; a cara interior emite numerosas e estreitas lamiñas que conforman a unión cos tecidos brandos do pé, moi irrigados: é o corion, que recibe os nomes comúns de *sabugo* ou *sámago*, equivalente á estrutura semellante que xa vimos ó falarmos do corno.

2144 **cachapa 3** *s.f.* Ver CACHOPA /2145. (Fol-LE).

2145 **cachopa** *s.f.* Casco do boi. (VGR).

2146 **carco** *s.m.* Ver CASCO 1 /2147. Sospeitamos que se trata dun caso de rotacismo por *casco*, non sendo unha simple errata. (CTui).

2147 **casco 1** *s.m. Ú. t. en pl.* Pezuño. Nalgúns cuestionarios do ILG aparece esta voz como *Parte do pé da vaca recuberto polo pezuño* (Arme., Caban., CarbCo, Cervá1, Cervá2, Consta., Frei., Lago, Lous., Negr2, Peroxa, Pravio, Razo, TapiaC, Vill-O), o que supoñemos un erro na recollida da información. En Noalla *casco* é só a uña, a parte córnea, mentres que *pezuño* comprende o pé enteiro. (Común. ILG: 139 (C:64, LU:26, OU:14, PO:33, GExt.:2)).

2148 **macho 4** *s.m. Ú. m. en pl.* Pezuño. (Guil2).

2149 **pata 4** *s.f.* A nosa fonte defíneo como "pezuña". (CarbCo.).
2150 **pé 2** *s.m.* Pezuño. (Com1, Cur., Enxames, SComba).
2151 **pesuña** *s.f.* Ver PEZUÑO 1 /2157. (Cang2, Cang3, Gaxate, Lobe., Morga.).
2152 **pesuño 1** *s.m.* Ver PEZUÑO 1 /2157. (Borre., Caa., Cab., Com1, Consta., Cou1, Fri., Laxe, Mez., Miñor2, Oza, Randu., Xeve, Zamáns).
2153 **pezoño** *s.m.* Ver PEZUÑO 1 /2157. (Cab., Cre.).
2154 **pezuncho 2** *s.m.* Ver PEZUÑO 1 /2157. (Cab., Per., Suarna).
2155 **pezunllo 2** *s.m.* Ver PEZUÑO 1 /2157. (Laxe).
2156 **pezuña 1** *s.f.* Ver PEZUÑO 1 /2157. (Arroxo, Bale., Baltar, Bolo, Burgo, Cast., Ces., Com1, Feás-A, Gro1, Laxosa, Macei., Neves2, Peno., Porto, PSil, Ram., Rendal, Rib-E, Ribe1, Ribó, Sabu2, Sisto, Troán1, Val-LE, Valen., Vedra, VFrore., Vilar, Vill-O, Xun.).
2157 **pezuño 1** *s.m.* Conxunto dos dedos e uñas que os cobren. En Noalla *casco* é só a uña, a parte córnea, mentres que *pezuño* comprende o pé enteiro. En Castre., o pé apoia no chan nas unllas ou *pezuños*. (Castre., Cod., Culle., ERG, Gro1, Gud., Gun., Incio, Marín, Mez., Mour1, Ped1, Porto, XRMF4).
2158 **pouta 1** *s.f.* Pezuño. (Negra.).
2159 **presullo 2** *s.m.* Ver PEZUÑO 1 /2157. (Feás-A).
2160 **presuño 2** *s.m.* Ver PEZUÑO 1 /2157. En plural recólleo Fózara. (Fózara, Gun., Mez., Ribad., Sete-L).
2161 **pusuño** *s.m.* Ver PEZUÑO 1 /2157. (Com1).
2162 **puxuño** *s.m.* Ver PEZUÑO 1 /2157. (Porto).
2163 **taxoula** *s.f.* Pezuño ou casco dos bovinos. (VLLM).
2164 **texoula** *s.f.* Ver TAXOULA /2163. (VLLM).
2165 **tuelo** *s.m.* Ver TUELLO /2166. (LCA2).
2166 **tuello** *s.m.* Pezuño. Carré defíneo como "Médula, parte dura de naturaleza córnea que forma la uña de las pezuñas". (ERGa, LCA2).
2167 **unlla** *s.f.* Pezuño. En plural recólleno Carb3, Grixoa, Lestón, Noice. Os nosos informantes en Suevos, Cer. e Eixo recollen esta voz, cremos que erroneamente, como "parte do pé da vaca recuberta polo pezuño". Un segundo erro supoñemos que é a grafía *nulla* que nos parece ler en Leir-A e Sofán. (Bas., Cabal., Carb3, Cer., Com1, Couce., Cur., Dum., Eixo, Grixoa, Leir-A, Lendo, Lestón, Morai., Noice., Oroso1, Razo, Rus, San., Sofán, Suevos, TapiaC, Valen., VFrore.).
2168 **uña 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Pezuño. En plural recólleno Agro., Anca, Bar-Co., Baña2, Camba, Crendes, Estr4, Grixó, Lagar., Macei., Meir., Negr2, Oroso2, Pal., Pre., SComba, Salv3., Vviño. Vixoán., Vrei., Vtose., Xudán1, Zolle. Ademais, en Baña2, Callo., Corb., Estr4, Figue2, Lagar., MCouso, Morga., Nove2, Pal., Poulo, Rábade, Rama., Saiar, Sende., Sisto, Taboa., Vmaior., Vnova2, Vtose., Vviño., Vxoán. aparece co significado de "parte do pé da vaca recuberta polo pezuño". Carde. anota a forma *una* que nos parece sospeitosa de erro de escritura por ser forma estraña e cita única. (Alla2, Aranga, Baltar, Barre., Ben., Burela1, Busta., Caa., Caban., Cam4, Car2, Casal., Cervá2, Com4, Damil, Dum., Fol-C, Gaxate, Gro1, Gud., Gui., Guil2, Hermi., Laiosa, Laraxe, Lampón, Mira., Mondo2, Mondo2, Neda, Piñe., Rendal, Sabu3, Samos3, Sende., Somo1, Tab1, Verdía, Veste., Vill-O, Vixoán., Vrei., Vtose.,Xudán1, Zolle).
2169 **uñaco 2** *s.m.* Pezuño. (Ced.).
2170 **uño** *s.m. Ú. m. en pl.* Pezuño. ... *bótaselle [a pochada] na pata entre os uños cando o animal se repisa, atando todo ben cun trapo arrollado* (Friei.:199). (Burón, Friei., Meira2, Mra., Suarna).
2171 **us** *s.* Pezuño. (Samos3).
2172 **uña grande** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Pezuño. (Callo.).

Bravo está o touriño, dinmo/dinllo as presunllas, porque esgarabata e non arrebuña. (VLLM:1,136) [456]

2.3.24.8.2. A planta do pé

A cara palmar ou basal do pezuño presenta unha parte dianteira, cóncava e dura, e unha parte posterior que forma un bulbo ou talón, prominente, sobre o que apoia o animal no chan, de natureza córnea e paredes relativamente delgadas, que o fan brando e elástico, e que se continúa por arriba e detrás coa pel. Sobre esta zona existe unha masa de tecido graxo elástico (basicamente consiste nun tecido conxuntivo especialmente modificado) a modo de almofada, que protexe dos efectos dos golpes as terminacións dos ligamentos do pé.

Esta zona palmar, xunto coa interdixital, son as partes máis sensibles dos pezuños dos bóvidos, e sofren con frecuencia os efectos de traumatismos, obxectos punzantes ou feridas que adoitan complicarse con infeccións secundarias. Unha lesión moi frecuente en tempos era que se lles cravase algún cravo perdido das rodas dos carros ou as chatolas dos zocos.

[456] Llópiz: *mó/lló din* (sic); sospeitamos que se trata dunha das frecuentes trasposicións dos pronomes átonos en que incurre adoito Llópiz; será *dinllo* ou *dinmo*. Recólleo en Trazo e explica tamén que *cuando el toro está enfurecido, escarba con las manos en el suelo pero no profundiza*.

2173 **papullo** *s.m.* Parte branda inferior do casco da vaca. Aínda que A. Otero só a recolle como parte mol da man humana da que sae o pulgar, coidamos que tamén se debe aplicar á equivalente parte do pé das vacas por existiren outras variantes da mesma familia etimolóxica. (Piquín).

2174 **porpullo 2** *s.m.* Ver PAPULLO /2173. (Ced.).

2175 **renilla** *s.f.* Parte inferior do pé da vaca. A nosa fonte defínea como "parte do pé da vaca recuberta polo pezuño". Na cara inferior do casco do cabalo e na súa parte central hai un avultamento en forma de uve que se chama en castelán *ranilla*. Posiblemente neste caso sexa unha trasposición á parte equivalente do pé da vaca. (Arroxo).

2176 ***pulpillo 2** *s.m.* Parte do pezuño do animal que está en contacto co chan. (Feás-A, Nove., Sob.).

2.3.24.8.3. O sabugo

2177 **bexugo** *s.m.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Mondo1).

2178 **canela 2** *s.f.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Arzúa2).

2179 **carnazo** *s.m.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Mondo2).

2180 **macho 5** *s.m.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Valad2).

2181 **magho** *s.m.* Ver MAGO /2182. A nosa fonte escribe *majo*. (Cang2, Neves2, Oirán, Oliv., Rendal, Rib-E, Ribe1, Sabu2, Vedra).

2182 **mago** *s.m.* Parte carnosa que vai pegada interiormente á unlla do animal. (Feás-A).

2183 **masán** *s.f.* Ver MAZÁN /2185. (Carr-C).

2184 **maxo** *s.m.* Ver MAGO /2182. (Baltar, Buga-N, Cast., VFrore.).

2185 **mazán** *s.f.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Somo1).

2186 **megholo 2** *s.m.* Ver MAGO /2182. A nosa fonte escribe *mejolo*. (Oroso2).

2187 **moghelo 2** *s.m. Ú. t. en pl.* Ver MAGO /2182. A nosa fonte escribe *mojelos*. (Lañas).

2188 **mogholo 2** *s.m.* Ver MAGO /2182. A nosa fonte escribe *mojolo*. (Culle.).

2189 **mol** *s.m. Ú. m. en pl.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. En plural recólleno Abe., Arzón, Gro4 e Ribe2. Dum. recolle a forma diminutiva *moliño*; Gro4 anota *moles* en pl. e defíneo como "parte traseira do casco" e, por certo, a parte traseira inferior é a menos dura. (Abe., Arzón, Cam4, Casal., Dum., Gro4, Ribe2, Sisán).

2190 **morbo** *s.m.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Car2).

2191 **muguén** *s.m.* Ver MAGO /2182. A nosa fonte dáo como masculino. (Laxe).

2192 **papo 4** *s.m. Ú. m. en pl.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Noalla, Verdu.).

2193 **parpullo** *s.m.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Ced.).

2194 **pelico 2** *s.m.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Baíñas).

2195 **polpa 3** *s.f.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Mon.).

2196 **porpullo 1** *s.m.* Ver POLPA 3 /2195. (Burela1).

2197 **pouta 2** *s.f.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Camba).

2198 **pulpa** *s.f.* Ver POLPA 3 /2195. (Veste., Vixoán.).

2199 **purpullo** *s.m.* Ver POLPA 3 /2195. (Bas., Ben.).

2200 **rabullo** *s.m.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Cere.).

2201 **sabugho 2** *s.m.* Ver SABUGO 3 /2202. A nosa fonte escribe *sabujo*. (Arca, Fol-C, Pre., Sabu3, Salv3, Somo1).

2202 **sabugo 3** *s.m.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Bolo, Carr-G, Fara., Peno., Piñei2, Piñor).

2203 **sálamo** *s.m.* Ver SÁMAGO 2 /2206. (Mosen.).

2204 **samagho 2** *s.m.* Ver SÁMAGO 2 /2206. A nosa fonte escribe *samajo*. A nosa fonte escribe sen til pero é posible que se trate dun erro ortográfico do amanuense. (Lucí, Santi., Teo).

2205 **sámagho 2** *s.m.* Ver SÁMAGO 2 /2206. A nosa fonte escribe *sámajo*. (Lagar.).

2206 **sámago 2** *s.m.* Parte carnosa que vai pegada interiormente á unlla do animal. (Antas3, Gun., Negral).

2207 **samo 2** *s.m.* Ver SÁMAGO 2 /2206. (Parga).

2208 **sasmo 2** *s.m.* Ver SÁMAGO 2 /2206. (Borre.).

2209 **soleta** *s.f.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Figue1).

2210 **vivo** *s.m.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. Diferénciase así a parte *viva*, irrigada e sensible, do pezuño, da parte *morta*, cornificada e insensible, é dicir, da uña. (Agro., Burgo, Ces., Ribe1).

2211 **xabugo 2** *s.m.* Ver SABUGO 3 /2202. (Cubi2, Dis., Laiosa, Negral).

2212 ***canilla 2** *s.f.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. En plural recólleo Piñe. (Alla2, Piñe., Ribad.).

2213 ***pulpillo 1** *s.m.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. Ver *PULPILLO 2 /2176. (Carb3, Crendes, Fre., Grixoa, Noice., Sofán, Vilar).

2214 ***pulpillón** *s.m.* Ver *PULPILLO 1 /2213. (Laxosa).

2215 **molo da uña** *s.comp.m.* Ver MOL /2189. (Meir.).

2216 **molo do pé** *s.comp.m.* Ver MOL /2189. (Estr3, Vi-Val.).

2217 **rodete do casco** *s.comp.m.* Ver SABUGO 3 /2202. Coidamos que esta designación é suficientemente

descritiva para atribuirlle este valor, aínda que as nosas fontes defíneno como parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (PCal2).

2218 **sabugo do pé** *s.comp.m.* Ver SABUGO 3 /2202. (PSeca.).

2219 **sághamo da uña** *s.comp.m.* Ver SÁMAGO 2 /2206. A nosa fonte escribe *sájamo*. (Guil2).

2220 **pata d'abaixo** *loc. s.* Parte do pé da vaca recuberta polo pezuño. (Noal).

2.3.25. O rabo

Prolongación da columna vertebral dos mamíferos na parte posterior do tronco, coas vértebras coccíxeas como base ósea. Nace detrás das ancas, tapando o ano e o perineo. Nos animais non seleccionados é usual o nacemento alto do rabo, en forma de caxato, carácter que se debe rexeitar nos animais seleccionados.

Comprende dúas rexións diferenciadas: a *pombela*, que é a primeira parte, con pelos curtos, e a *xema*, que é a parte final cuberta de pelos longos e máis fortes (sedas).



Rabo.

2221 **cauda** *s.f.* Rabo. *[...] pol-as corgas e sendas nunca d'ela esquecidas; movendo a longa cauda, baixo d'un Sol que abura vacilante camiña*. (JM:40).

2222 **grilo** *s.m.* Rabo. O noso informante de Ancares2 dános esta voz nunha serie de sinónimos de rabo: "*rabo*, *rabuco*, *rabucón*, *rabeira*, *rabizo*, *grilo*, con sus variantes eufemísticas y disfemísticas" (Ancares2:193).

2223 **perilla 1** *s.f.* Borlón do rabo. (Noalla3).

2224 **pombela 2** *s.f.* Raíz do rabo do vacún que adoita estar levantada. (Gud4, Piquín).

2225 **rabada 1** *s.f.* Extremo do rabo. No Rio de Janeiro, en cambio, a rabada é mesmamente a carne do rabo (LOliveira). Véxase DERRABADA 1458. (LP, Mez.).

2226 **rabeira 1** *s.f.* Ver RABO 1 /2228. *Y esto dicindo, turrou/ pol-a rabeira d'a vaca.../ Cal sería o seu asombro/ y-o de Pedro d'as regadas,/ o ver qu'a vaca fuxía/ e qu'o rabo lle quedaba/ n-as maus o probe Manoel/ que gruaba cheo de rabia*. (PL1).

2227 **rabistel** *s.m.* Rabo. Na lingua dos cesteiros de Mondariz. (Mond1).

2228 **rabo 1** *s.m.* Apéndice posterior do corpo formado polas vértebras caudais. (Común).

2229 **sedas** *s.f.pl.* Pelos longos reunidos da guedella que remata o rabo. (Gud5).

2230 **tirangueiro** *s.m.* Rabo. Úsase nas adiviñas. (PM:217).

2231 **xema 1** *s.f.* Parte viva do rabo. (Cab, Gro4, Gui., Nove., Per., Piquín, Toba).

2232 **xema 2** *s.f.* Mata de pelos en que remata o rabo. A nosa fonte en San. defíneo como "punta do rabo". (Cam1, Noalla3, San.).

2233 ***cola** *s.f.* Rabo. (Burón, Car., Com1, ERG, Incio, Oirós, Per., Razo, Toba, Vala.).

2234 **dálle-dálle** *s.comp.m.* Rabo das vacas. Úsase nas adiviñas. Por veces aparece escrito *dalle, dalle* ou *dalle-dalle*. PM:204; 204, n.105; 209; 210; 210, n.110; 220; 363, n.195. TCha:1507,1561. (Cod., CP, ERG, Fri., Gud9, PM, TCha, Vilaf.).

2235 **espantamoscas** *s.comp.m.* Rabo das vacas. Úsase nas adiviñas. (PM:363).

2236 **tornamoscas** *s.comp.m.* Rabo. Úsase nas adiviñas. (PM:215).

2237 **varre camiños** *s.comp.m.* Rabo. Úsase nas adiviñas. (PM:224).

A vaca farta, do rabo fai a cama. (ERG:vaca)
A vaca farta, do seu rabo fai bragada. (VLLM:1,132) [457]
A vaca farta, do seu rabo fai cama. (VLLM:1,132) [458]
Á vaca farta, o rabo élle abrigado. (Par2) [459]
O boi afartado fai cama do rabo. (VLLM:1,145) [460]
O boi farto déitase no prado e fai cama do rabo. (VLLM:1,145) [461]
Boi bravo, alza o rabo. (VLLM:1,150) [462]
Boi bravo arrecacha o rabo. (VLLM:1,150) [463]
Boi bravo leva o rabo alzado. (VLLM:1,154)
Boi bravo leva o rabo recachado. (VLLM:1,154) [464]
O touriño, cando é bravo, ao andar recacha o rabo. (VLLM:1,150) [465]
O touro é bravo: ¡árdelle o rabo! (VLLM:1,150) [466]
Touro bravo ergue o rabo. (VLLM:1,150) [467]
Touro bravo leva o rabo recachado. (VLLM:1,154) [468]
Boi co rabo seco, bon tempo. Si mollado, chuvia (temos) de contado. (VLLM:1,133) [469]
Boi co rabo xiado, neve ben ao cabo. (VLLM:1,133) [470]
Do boi co rabo recachado, ponte a salvo. (VLLM:1,140) [471]
Do boi que recacha o rabo, ponte a salvo. Si non podes liscar, bótate ó chan; finxete morto e deixarate o touro. (VLLM:1,142) [472]
O rabo da vaca é o máis malo de esfolar. (Porr4)
O rabo da vaca sempre foi o máis malo de esfolar. (VS) [473]

---

[457] Llópiz explica que a vaca, cando está farta, recolle o rabo entre as coxas e déitase a descansar. Cita tamén o cast.: *Vaca harta con su rabo hace cama*.

[458] Llópiz di que o recolleu no Páramo (Sarria).

[459] A un refrán castelán semellante (*Á la vaca harta la cola le es abrigada*) engádelle a E. Espasa esta explicación: *Rf. que indica que al que ha comido con abundancia nada le suele embarazar para dormir bien*. ERG ten outro paralelo: *A ovella farta do rabo fai a manta*.

[460] Llópiz recólleo de Martín Calado (*Fungueirazos*).

[461] Llópiz recólleo de Martín Calado (*Funqueirazos*).

[462] Llópiz recólleo en Torres de Lourenzá.

[463] Llópiz recólleo do veter. Javier F. Losada que lle explica que *arrecacha-lo rabo* é característica dos touros non capados que se destinan á reprodución.

[464] Llópiz recólleo en Lugo (Estación Pecuaria Regional).

[465] Llópiz recólleo de V. Muñiz, prof. veter.

[466] Llópiz di que é locución que encontra en E. Carré Aldao; alude a que arrecacha-lo rabo é unha das características dos touros bravos, que se dedican á reprodución; cita var. *É bravo o touro, ¡árdelle o coiro!*.

[467] Llópiz recólleo de José Mª Leirado.

[468] Llópiz recólleo na estación Pecuaria de Fingoio.

[469] Llópiz: *có*; recólleo do semanario *El agricultor*.

[470] Respectámo-la grafía *ben ó cabo* entendéndoa como *inminente*, se ben tamén podía ser *vén ó cabo* co senso de *por fin a neve vai vir*; Llópiz engade que é observación dun aparato barométrico representado, coma o anterior, por un burro de cartón co rabo sensible ós cambios higrométricos; recólleo de T. Valle, sacerdote.

[471] Llópiz: *póñete*; di que tanto o touro coma o boi novo, cando van arrancar a embestir, arquean o rabo. Complementa este refrán con aqueloutro *Faite o morto e deixarate o touro*, que é a maneira de se poñer a salvo dos touros que embisten. Sempre se dixo que, lonxe de ataca-las cousas vermellas como se dicía, os touros atacan o que se move, porque eles ven en branco e negro, é dicir, apenas distinguen as cores. O fisiólogo veterinario Kolb admite que os animais non teñen a mesma sensibilidade cromática có home *pero es difícil obtener información exacta sobre este problema. Hasta el momento se ha podido demostrar de forma definitiva la apreciación de los colores en el caballo, bóvidos, oveja, cobaya, ardilla y muchos monos* (EK:1.021-1.022). Llópiz recolle este refrán de Javier F. Losada.

[472] Llópiz: *póete*; recólleo de Javier Fernández Losada.

[473] VS recolle tamén a variante *sempre é*.

O rabo aparece nas adiviñas, como se ve, coas denominacións de *dálle-dálle*, *enxotamoscas*, *espantamoscas*, *quitamoscas*, *tapante*, *tirangueiro*, *tornamoscas*, *un que lle abana* e *varrecamiños*. Para ver esas adiviñas, reléase o apart. 2.3.10. *Os cornos*.

O rabo do boi aparece nunha cantinela infantil coa que os nenos tentan atinar en que man pechada se agacha unha cousiña: quen atina queda liberado; quen non dá atinado empeza o xogo co papel máis feo. A nós chéganos de Marín pero cántase en moitos outros lugares en forma parecida.

Rabo de boi,
rabo de besta,
dixo meu pai
que estaba nesta.
Nesta estará,
dixo meu pai
que era verdá. [474]

2.4. Nomes propios

Di Mariño Ferro que o gandeiro galego só lle pon nome ás vacas e ós cans [475]:

> *O labrego, que trata con enorme cariño e coidados as súas valiosas vacas, ponlle nome a cada unha. Nin os cabalos, nin os bois, nin os porcos, nin as cabras, nin ovellas, nin ningún outro animal doméstico, agás o can, recibe nomes propios.*

Pero o certo é que nós si que atopamos nomes de bois. E coñecemos nomes de cabalos e éguas [476]. E Carlos Casares publicaba o 4.12.1994 en *La Voz de Galicia* "Os nomes dos animais", unha columna na que el fala de tres lobos de nome Ramiro, Toribio e Genaro e dun porco de nome Arturo, aínda que admite que os porcos non recibían nomes. En cambio, engade que o de poñerlle nomes ós gatos non se facía sempre e tamén que sospeitaba que era costume recente. Coidamos que o caso entra dentro da proverbial e incansable fabulación do escritor ourensán na que non sempre era doado marca-la fronteira entre a realidade e a lexítima fantasía.

Unha das posibles razóns de que as vacas teñan nome propio pode estar no feito de que a vaca é o animal máis valioso que pode ter unha familia tradicional pero tamén o que máis tempo podía vivir na casa: hoxe non pasa dos 10-12 anos pero antes algunhas vivían na casa labrega entre 20 e 25: é dicir, unha xeración.

O feito de que os bovinos teñan nome propio indica que en certa medida forman parte da familia gandeira e iso vai ligado a un trato máis cálido có que se ten cos animais ós que non se lle permite entrar na casa e tampouco se lles pon nome. Que este trato confortable teña consecuencias na saúde e na produtividade do animal resulta lóxico. A axencia EFE daba, o 2.10.2009, a noticia de que Catherine Douglas e Peter Rowlinson, da Universidade de Newcastle, experimentaran con 516 gandeiros do Reino Unido e que comprobaran que as vacas mellor tratadas chegaban a dar 214 litros máis de leite e vinculábano ó feito de que ese mellor trato tiña moito que ver con que as vacas tivesen cadanseu nome propio [477]. Non entramos a valora-la produtividade do factor onomástico pero si que parece certo que o feito de que o gandeiro coñeza individualmente cada animal provoca unha relación máis atenta e afectuosa e isto si que pode ser estimulante para o animal.

Diversos veterinarios testemuñan que, cando van inseminar unha vaca e preguntan como se chama, frecuentemente encontran que aínda non ten nome e que é na inseminación cando llelo poñen.

---

[474] Marín7:25. É imposible descifrar nos xogos populares de onde veñen as asociacións de cousas coma o rabo do boi e o da besta. Curiosamente os dous rabos aparecían xuntos nun relato de 1810 no que se narra a resistencia armada dos galegos contra as tropas invasoras de Napoléon, do que reproducímo-la ortografía orixinal: *As de saber que carta feira da primeira semana de Frebeiro* [de 1809] *chegaronche á este lugar vinte è catro* [soldados franceses] *¿qué eu inda dudo aora si eran omes? porque che traian na cabeza por sombreiros ùn-as da quelas que son coma bacias da feitar que teñen os barbeiros das Vilas de laton, è logo nin che sey si era cola de besta, ou rabo de boy ò que trahian colgando nelas, porque asi como chos bin escapeiche para ò monte, anque despois bolbin* (JFyN).

[475] XRMF4: 81.

[476] Coñecemos en Valladolid contra 1977 un pastor que tiña unhas 150 ovellas e que a todas lles tiña nome e coñecíaas todas polo seu nome preciso. Tamén se van coñecendo casos esporádicos de burros con nome (VG2:5.09.2006) e mesmo dun porco chamado *Quinín* e un xabaril chamado *Mula* (VG2:2.11.2008). Claro que se trataba de animais especiais polo coidado con que se criaban ou por se dedicaren a tarefas inusuais neles (carreiras de burros).

[477] Esta investigación mereceulles ós protagonistas a concesión do premio IG Nobel de Medicina Veterinaria (http://improbable.com/ig/winners/#ig2009 [20.12.2009]). Os premios IG Nobel concédeos anualmente unha prestixiosa revista científica a aqueles estudos que "primeiro fan á xente rir, e despois fana pensar".

A principal motivación á hora de bautizar unha vaca é a cor da capa, que dá nomes como *Rubia*, *Vermella*, *Marela*, *Teixa*, *Roxa*, *Negra*, *Morena*, *Moura*, *Loura*, *Branca*, *Pinta*, *Cereixa*, *Parda* etc. Outras características externas, como o tamaño do animal, dos seus cornos, a idade ou a presenza de determinados detalles individuais serven tamén como fonte de inspiración (*Linda*, *Garbosa*, *Pequena*, *Xata*, *Cachorra*, *Estreita*, *Mona*, *Galleira*, *Gallarda*, *Piñeira*, *Fachenda* etc.).

En moitos casos, o nome non se motiva na propia vaca senón nalgunha circunstancia que lle aconteceu: **Gemela* ou **Melliza* son nomes de vacas nacidas nun parto xemelar. Nomes que aluden a características do animal son *Ladroa*, *Pastora*, *Caprichosa*, *Xota*. Por veces o que vende unha vaca á que lle tiña cariño ponlle o nome que tiña a outra que queda no sitio dela ou, se a compra, dálle o nome de *Nova*.

Outras veces póñenlle nomes de plantas (*Figueira, Castaña, Romera, Cereixa, Oliva*, *Nogueira*) ou de animais (*Parrula, Camello, Delfín, Xílgaro, Pomba* e *Paloma, Andoriña/Anduriña, Bubela*) sen que nos expliquen motivación ningunha os nosos informantes. Nalgúns casos gustaríanos conservar información do animal, porque Ulloa2 atesta o caso dunha vaca chamada **Gineta* e, tendo ese animal manchas negras sobre fondo branco e o rabo con bandas brancas e negras (por iso se chama *rabisaco*), tal nome acáelle a unha vaca pinta; como lle acae o de *Anduriña* e o de *Pega. Toura* e *Corza* son outras posibilidades, nas que pensamos que intervén máis o carácter do animal.

De cando en cando aparecen bovinos que levan un nome que indica directamente de quen son fillos, tal como nos informa RAG: *Filla da Broca* (suponse que a nai era unha vaca broca e chamábase *Broca*), *Filla da Negra de Souto, Filla da Pinta, Filla da Toura.* Tal acontece cando as dúas xeracións conviven no mesmo lugar ou, polo menos, cando se garda clara memoria da nai e do seu nome.

Tamén son comúns os antropónimos. Moitas veces son nomes de persoas famosas do mundo do espectáculo [478]: *Belinda* [479]*, Carolina*, *Chicholina, Dúrcal* [480]*, Karina* [481]*, Liboria, Maira* [482], *Marlén* [483], *Neli* [484], *Pantoxa* [485]*, Pitufo*, *Pitufa*, *Pitusa* [486], *Rambo*, *Rocío* [487], *Sabrina* [488], *Xaquira* [489] etc. Estes nomes póñense con evidente intención humorística ou por simple moda (*Mélani* [490], *Macarena*, *Miranda*, *Pamela* etc.).

Máis frecuentemente a elección dun antropónimo ten explicación unicamente na experiencia familiar e só quen bautizou así o animal saberá porqué o fixo (*Antón, Cipriana, Federico, Gil, Juanita*, *Juliana*, *Paulino, Iris*, *Rosa*, *Fina* etc.). Especial mención merece a vaca *Elvira*, primeira vaca galega afectada da enfermidade da encefalopatía esponxiforme bovina (*mal das vacas tolas*) que morreu o 31 de agosto de 2000 pero non se lle confirmou o diagnóstico ata o 7 de decembro [491].

A influencia directa ou indirecta do inglés tamén se fai ver en nomes coma *Buty*, *Lloli* [492], *Melani*, *Pepi*, *Yony*. Caso semellante é o de *Dani* e *Dori*. Ulloa2 di que son os gandeiros novos os que tenden a poñer antropónimos. É verosímil que sexa entre estes onde máis se dan estes nomes, nos que o hipocorístico, en vez de formarse coas últimas sílabas e prescindir das primeiras (*Chisco, Susa, Chona* para Francisco, Xesusa ou Asunción) carga o acento na primeira sílaba ó estilo inglés e remata sistematicamente en *–i* ou mesmo en *–y.*

---

[478] Estes nomes propios de bois e vacas, o mesmo que os que seguen neste apartado, proceden de Arzúa5, Dozón, RAG, RBG-I e Ulloa2.

[479] Aínda que incluímos aquí este nome, por se alude á actriz *Belinda Washington,* RAG di que a razón estaba en que ese era tamén o nome da anterior propietaria: e pode ben ser, porque en Galicia había no 2001 unhas 150 mulleres de nome *Belinda* e unhas poucas delas superaban os 50 anos.

[480] María de los Angeles de las Heras Ortiz, de nome artístico *Rocío Dúrcal* (1944-2006) e moi sonada a partir de 1962.

[481] É curioso que no censo do 2001 figuran 365 *Karinas,* case todas de 30 ou menos anos, feito que vincula eses nomes ó da cantante Maribel Llaudes, *Karina*, moi sonada nos anos 60 e 70.

[482] Posiblemente alusiva á sonada cantante cubana Mayra Gómez Kemp que se fixo famosa en España maiormente presentando o programa de TVE *Un, dos, tres* entre 1982 e 1988.

[483] ¿Evocando a Marlene Dietricht?

[484] RAG di que evoca unha presentadora do *Supermartes* coñecida por ese nome.

[485] Supoñemos que evoca a cantante sevillana María Isabel Pantoja Martín, moi popular tamén en Galicia no cambio de milenio.

[486] Aínda que *Pitusa* é o hipocorístico galego normal de *Pilar,* cabe a posibilidade de que este nome, neste caso concreto, lembre un personaxe da serie *Mareas vivas* da TVG.

[487] Alude á cantante Maria del Rocío Trinidad Mohedano Jurado **(**Chipiona, Cádiz, 1944 - Madrid, 2006), máis coñecida como Rocío Jurado.

[488] Este nome púxoo de moda no derradeiro decenio do século XX unha cantante italiana de busto prominente.

[489] Supoñemos que alude á cantante colombiana *Shakira,* moi sonada en España no cambio de milenio.

[490] Ulloa2 informa de que este nome alude a Melanie Griffith, actriz e esposa de Antonio Banderas; e que da mesma corte era a vaca chamada *Pamela*, en honra da tamén actriz Pamela Anderson, da serie televisiva *Los vigilantes de la playa*.

[491] Este retraso no diagnóstico explica que, oficialmente, fose *Parrula* a primeira vaca morta en Galicia por esta enfermidade, o 25 de outubro dese mesmo ano.

[492] Supoñemos que se trata do hipocorístico angloide *Yoly* (de *Yolanda*).

Hai tamén os nomes xeográficos que indican, probablemente, a procedencia (*Castela, Malagueña, Portuguesa, Alemana, Checa*) ou nomes de lugares (*Kenia*) onde hai parentes traballando emigrados, sen esquecer os máis imaxinativos (*Tibetana*), así como topónimos galegos como *Lérez, Mandeo* ou *Belesar*.

A subxectividade é moi importante na motivación do nome. Arzúa5 cita o caso dunha vaca á que, polo visto, puxéronlle de nome *Calva*, porque o animal tiña os cornos orientados tan cara atrás, que parecía que non os tiña. Unha das nosas informantes explica a imposición do nome *Linda* dicindo que "é nome que se lle pon ás vacas que se lles mete na cabeza que son bonitas". O criterio é subxectivo (*méteselles na cabeza*). Os nomes de vacas que citamos responden a reses concretas e a propietarios concretos e con algunha frecuencia os motivos que ten un gandeiro para lle dar un determinado nome a unha vaca concreta poden chegar a ser contraditorios cos que ten outro propietario para lle dar ese mesmo nome a outra vaca moi distinta. Así RAG e Ulloa2 ofrécennos dúas motivacións contraditorias para o nome *Cachena* (no caso que coñeceu RAG correspondía a unha vaca que posuía grandes cornos coma os característicos desa raza, aínda que esa vaca en particular non era de raza cachena; en cambio Ulloa2 coñeceu outro caso no que o mesmo nome, polo visto, motivábase precisamente na ausencia de cornos). Unha vaca de nome *Pastora* leva ese nome nun caso porque actua de guiadora do rabaño (Ulloa2), noutro porque é dócil e boa de gardar (RAG), e nun terceiro porque é filla dun boi de nome *Pastor* (RAG).

Cómpre advertir, a pesar de todo, que os nomes dos animais poucas veces nos chegan motivados aínda que en moitos casos pareza poder adiviñarse a motivación. Poñamos dous casos de bovinos de raza cachena. *Cadullo* parece nome axeitado para un semental de raza cachena, se pensamos que, por ser máis pequeno pero robusto, pode lembrar un cadullo ou terrón compacto. *Cañada* tamén parece un nome axeitado para unha vaca de raza cachena, que é de seu pequeneira, se temos en conta que un dos valores de *cañar* é 'asoballar, encoller, apretar, comprimir'. Abstémonos, a pesar diso, de clasificalos como parece ser, por non ser segura a nosa suposición.

A situación cambia radicalmente cando un mesmo propietario lle ten que dar nome a centos de animais en poucos anos (situación, por outra banda, parecida á dun concello que traza un polígono urbano ou industrial novo e, esquencendo a microtoponimia existente, dá nome a numerosas rúas novas con nomes de científicos, países ou personaxes históricos). Así na denominación dos sementais das razas morenas galegas no *Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia* de Fontefiz ata hai uns anos dábaselles ós bois das distintas razas un nome en función de criterios variables e indefinidos (*Adán*, *Arrogante*, *Chuco* ou *Tibetano* para bois frieireses; *Boullón*, *Cipriano*, *Martiño* ou *Rego* para bois limiaos; *Álvaro*, *Galindo*, *Nervio* ou *Zoco* para bois vianeses; *Olímpico*, *Toxo* ou *Xunto* para bois cachenos; e *Antón*, *Piño*, *Sil* ou *Xerro* para bois caldelaos) mentres que agora idearon unha norma alfabética que consiste en que os nomes dos bois comezan coa letra inicial de cadansúa raza: así teñen *Factor*, *Ferveda*, *Forno* ou *Furón* para os bois da raza frieiresa; *Lacazán*, *Leite*, *Lito* ou *Loureses* para os bois limiaos; *Valverde*, *Vegadeo*, *Viño* ou *Vitelo* para bois vianeses; *Caldo*, *Carmelo*, *Carracedo* ou *Cartelle* para bois cachenos; e *Cenlle*, *Coello*, *Couceiro* ou *Couselo* para bois caldelaos.

Pola mesma razón na Sociedade Os Parentes (Trasar en Carballedo, Lugo) para nomearen as 245 vacas que tiñan na súa explotación en xullo de 2005 botaron man de diversos criterios: personaxes da televisión (*Pantoja, Bombi, Ainoa, Vero, Dinia, Chenoa, Tonecha*), de acontecementos (*Tsunami*, que aconteceu no 26.12.2004 no Sueste Asiático), de políticos españois, galegos ou estranxeiros (*Almunia, Bona, Botella, Trilla, Infanta, Raxoiña, Baltara, Fraga, Cuíña, Touriña, Quintana, Bugalla, Alqaida, Rusa, Americana*), de lugares (*Incia,* porque un dos membros da Sociedade era cura no Incio) e, como son gandeiros con estudos, botaron man da literatura (*Mirella*) e mesmo do alfabeto grego (*Alfa, Beta, Gamma*). No 2007 informaban o seguinte [493]: *Aos Parentes xa se nos queda pequeno o Galego, o Castelán, o Inglés, e agora imos poñerlle nome Chinés a unha vaca. Chamarase Yeile.*

Como se ve, o acto de poñer nome está tocado tamén por un certo espírito de humor. Como mostra das que tiñan en 2008 vexamos esta suxestiva relación [494].

[493] http://www.osparentes.eu/novidades3.htm / [9.02.2007].
[494] http://www.osparentes.eu/sociedade.htm [25.04.2010].

4528	Alfa
8790	Alien
9892	Americana
2109	Amieira
9669	Ana
7022	Anastasia
1646	Antia
1563	Baltara
1863	Bea
7548	Benita
1979	Bernarda
7650	Bica
7251	Boa
7523	Bona
9328	Bosnia
4767	Brisa
9479	Brixida
2138	Cachorra
4096	Capa
6675	Carda
7180	Carlota
1342	Cascoira
4095	Casulla
6709	Cirila
1641	Coca
8940	Colega
4278	Corneta
2120	Covadonga
4770	Cris
4362	Croata
9666	Curuxa
4385	Chanel

3627	Chaveza
2000	Cheta
4994	Chichira
4993	Chirla
8828	Daniela
4097	Dulleta
1694	Elfa
8854	Ensila
1551	Ernesta
9195	Eslovena
7653	Esperanzita
6834	Eva
4398	Farmela
9860	Fermina
7464	Fernanda
4300	Frea
1763	Froda
7462	Gena
4646	Gloria
1864	Golfa
4499	Grama
9143	Incia
7547	Isabel
2074	Katerina
4400	Labaza
2079	Leonor
5151	Libia
7781	Lina
2257	Lola
9566	Loura
5130	Lucia
1638	Lula

7363	Margarita
1608	Maria
4334	Mesalina
9050	Miluca
4399	Millaia
4333	Minga
1268	Mofa
9961	Mora
7376	Nayara
8923	Nerea
7380	Noelia
7252	Nora
4417	Novela
2132	Ofelia
4529	Omega
1764	Pabla
9478	Pamela
9959	Pancracia
2078	Papuxa
1502	Patricia
1879	Pega
1813	Pelaya
8827	Pepita
3822	Perguiza
6714	Pescada
2111	Pina
1562	Pinpinela
1472	Pirata
4754	Portica
7364	Pula
6651	Quintana
4235	Raccettte

9480	Rita
9888	Rosa
7612	Rosca
9670	Roxa
9786	Rula
8924	Rusa
7374	Ruth
7301	Sandra
4484	Serbia
7464	Sofia
5152	Sori
3864	Sotana
3747	Tecalla
6673	Titola
7583	Trilla
9567	Trini
1821	Troita
7772	Tsumani
7129	Ursula
6554	Uxia
2131	Vanessa
1893	Vero
6676	Vieira
4443	Vixilia
7748	Xarda
6820	Xirela
9329	Yanky
4384	Yeile
9667	Yelka
9697	Yesica
4397	Zaincha
1374	Zaplana

Hai outro factor que tamén inflúe nos nomes das vacas. Galicia vive unha situación de contacto de linguas e isto, unido a que algunhas vacas galegas naceron fóra de Galicia ou son fillas de vacas vidas de fóra, explica que un certo número delas teñan un nome propio en castelán. Nalgúns casos é pura diglosia, coma cando unha vaca leva de nome *Dorada* porque era filla dun boi chamado *Ouro.* Por non seren galegos, estes nomes non entran na nosa listaxe de nomes propios para o gando vacún aínda que aquí queda constancia deles: *Amapola*, *Ardilla* [495], *Argentina, Bélgica* [496], *Bellota* [497], *Blanca*, *Blanco, Blanquita*, *Branquita*, *Caballa* [498], *Cadena*, *Camello, Caricia*, *Carita*, *Cordera*, *Culera* [499], *Culona*, *Doctora* [500], *Enana*, *Estrella*, *Estrellita*, *Garduña* [501], *Garduño*, *Gemela*, *Gineta* [502], *Giralda*, *Golondrina*, *Jacobo*, *Jamela* [503], *Jilguera*, *Jirafa*, *Justo*, *Lechera*, *Ligera* [504], *Luna*, *Lunares*, *Lupita, Manchitas, Mariposa*, *Melliza*, *Morenita*, *Morita*,

[495] Polo comportamento especial do animal: *A Ardilla é lista coma un allo*.

[496] VG2:21.08.1999. Nome dun exemplar de raza cachena. O propietario tiña outras vacas con nomes como *Argentina, Rusia* e *Soviética.*

[497] Se este nome se refire a unha vaca redondiña, coma unha landra, *Bellota* sería un caso máis de nome castelán. Pero temos detectado *Vella, Pepavella* (e *Pepanova)* e *Fragavella* como nomes propios de bovinos. Cabe, polo tanto, a posibilidade de que sexa *Vellota.*

[498] Nome dunha vaca seleccionada de raza cachena, como tamén era o caso de *Cadena* e de *Caricia*.

[499] RAG explícao no feito de que a vaca non deu parido ben no seu primeiro parto. Ulloa2 recólleo dunha vaca de anchos cadrís e constitución forte.

[500] A nosa fonte (RAG) explícao pola cor branca predominante do animal, que lembra a bata branca dos médicos.

[501] As nosas fontes describen a cor das vacas así chamadas como "combinación de varias cores: roxa, loura, teixa, castaña" (RAG); "castaño con tons brancos ou grises" (Ulloa2). A garduña, *Martes foina*, presenta unha cor castaña escura, marrón a case negra, cunha mancha branca no peito e na base do colo.

[502] Non sabemos cal era a raza desta vaca, pero o nome acaeríalle ben a unha vaca pinta porque a coloración característica da xineta está constituída por pequenas manchas castañas case negras sobre un fondo de cor branca sucia.

[503] RAG informa de que a razón deste nome é que era unha das dúas crías xemelgas; non alude, polo tanto, á embarcación de nome *gamela.*

[504] RAG informa de que o nome procede do alcume *Ligero* do seu anterior propietario.

Morito, *Mosquita*, *Muñeca*, *Negrita*, *Novilla* [505], *Paloma* [506], *Pachita*, *Palmera, Panchita*, *Raspita* [507], *Reina*, *Romera* [508], *Romero*, *Rosita*.

Nalgúns outros casos, como xa dixemos, o nome vén de fóra coa vaca importada. *Enni* era, por exemplo, o nome dunha vaca frisoa, de Castroverde, primeira clasificada na Semana Verde de Silleda en 1997 e nós supoñemos que o nome tróuxoo do estranxeiro ela ou a súa nai (PLu:11.11.1997). Arzúa 5 cita os seguintes casos: *Bremer, Iza, Modina, Pati, Tana, Uldra* e *Zeta.* Nos últimos anos houbo unha transformación importante na forma de denomina-las vacas, que veu introducida pola selección gandeira e a valoración do pedigree dos exemplares: o nome do animal debía incluír, a modo de tarxeta de presentación, os nomes dos ascendentes cando estes eran animais selectos e premiados, famosos, ou da explotación que os criou, cando este dato garantía a calidade do animal. Así naceron o que poderíamos denominar nomes de vacas con nome e apelidos: *Jenni Rocha Breogán* (mellor vaca frisoa galega en 2002), *Dorada Rocha Storm*, *Erika Rocha Mandeo*, *Andrea Rocha Belesar*, *D. Tuset 195 Rena Prel* etc., as primeiras da gandería Rocha de Monfero e a última da gandería Domingo Tuset. Aínda así, nestes nomes con alcurnia, case con denominación de orixe, cabe apreciar como se mantén o elemento individual, máis autóctono, que estamos seguros é o que serve na práctica para identifica-la vaca (*Breogán*, *Mandeo*, *Belesar*).

A identificación do gando parece que tampouco escapa dos avances tecnolóxicos. A raíz do problema das vacas tolas inglesas, e a imposibilidade -ou incapacidade- deste país para controlar correctamente a comercialización do seu gando, prohibido co resto de Europa, a Unión Europea estableceu un sistema de control e rexistro de todo o seu gando para garanti-la orixe da carne no mercado. Este novo sistema de identificación, implantado a partir do 1.1.1998, consiste en colocar unha placa amarela en cada orella, chamada *marca de identificación* ou, comunmente, *crotal* ou *pendente*, na que se fai constar un código que permitirá recoñece-lo país e a comunidade de orixe, así como a explotación de procedencia de cada animal en particular. No noso caso, este código indica o país (ES), a comunidade autónoma (11 para Galicia) e un número de oito díxitos que identifica o exemplar, máis un número de control para evitar falsificacións [509].

Ademais, cada animal queda inscrito nun documento de identificación individual (*Documento de identificación para Bovinos*, coñecido como *pasaporte* ou polas súas siglas DIB, aínda que tamén temos escoitado *DIP*), especie de *carné de identidade* que o acompañará durante toda a súa vida ata o matadoiro.

Con isto os números acaban substituíndo os nomes, pero coidamos que isto só acontece nas grandes explotacións, porque por baixo das corenta vacas aínda se segue conservando o uso tradicional de lles dar nome a todas. Isto mereceu ser noticia de contraportada na prensa, cando un gandeiro de Cambre, con 50 vacas, decidiu cambiárlle-lo nome por un número coa fin de que atendesen mellor á hora de chamarlles para muxilas [510].

Erundina ya no bautiza sus vacas [511]

Erundina y José no se han rehecho de la pérdida. Ella asegura que han perdido cinco años, puesto que es el tiempo que tardarán en volver a tener los 23 animales, sanos como manzanas, que se llevaron. A sus casi 52 años, eso es mucho tiempo. Pero la herida no es solo económica. Ahora la vaca que come poco es la 38 y la que aún recela de su dueña, la 66.

---

[505] RAG tamén recolle *Novilla abortada* e engade que *para evitar posibles confusións se empregan vacónimos acompañados dun modificador especificativo referido* [...] *a algún feito significativo na existencia da vaca*.

[506] RAG recolle o uso da forma castelá *Paloma* en 40 ocasións fronte a un único caso da forma patrimonial *Pomba*. Dáse tamén o caso de chamar así a unha vaca pinta sen que predominara a cor branca (Arzúa5).

[507] Este debe aludir a un baile moi sonado nos anos cincuenta, de orixe cubana, e que chegou a ter unha letra en galego de carácter crítico co goberno de Franco, porque falaba da fame e que empezaba así: *Máis pan, máis pan, máis pan /máis pan queremos comer...*

[508] A influencia do castelán neste caso viuse fortalecida porque a Igrexa falou sempre en castelán de *romeros* e nos rexistros eclesiásticos xa no século XVIII se modificaron os apelidos *Romeo /Romeu* en *Romero*. En moitos lugares só resistiu a planta de nome *romeu* que nalgúns tamén padeceu a substitución. O nome da vaca tamén pode vir de que o pai desta vaca fose coñecido como *Romero* (e este posiblemente porque o dono del se apelidase *Romero*).

[509] Regulamento CE 820/97, de 21 de abril de 1997, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie bovina (DOCE nº 117, de 7.05.1997). En España, a normativa que regula o sistema de identificación individual do gando vacún e o *Documento de Identificación para Bovinos* estableceuse por Real decreto 1980/1998, de 18 de setembro (BOE nº 239, de 6.10.1998) e as súas sucesivas modificacións, a última das cales é o Real decreto 728/2007, de 13 de xuño (BOE nº 155, de 29 de xuño de 2007), que estableceu o Rexistro Xeral de movementos de gando. Con posterioridade establecéronse distintos sistemas de identificación individual para o gando ovino e caprino, obrigatorios desde o 2005.

[510] *El Ideal Gallego* 18.04.2003.

[511] CV. Erundina é unha gandeira de Ameixenda (de San Pedro de Nantón, Cabana de Bergantiños), propietaria da granxa na que vivía *Elvira*, a primeira vaca galega co mal das vacas tolas, e que perdeu as 23 vacas que tiña ó seren sacrificadas tralo diagnóstico da enfermidade, como medida de precaución. O que segue é un fragmento do artigo publicado en *La Voz de Galicia* un ano despois destes feitos, cando estaba reconstruíndo a explotación.

Erundina no les puso los números, son las terminaciones de los que llevan en los pendientes naranjas o amarillos. Con ellos llegaron a Ameixenda y con ellos morirán un día, nada más.

Agora que estou baleira
queres vir á miña herba;
vai busca-la comedeira,
ponte ó lado da Marela. [512]

Cando poño os bois ó carro
sempre digo "¡Dios delante!";
cando chego á corredoira
"¡Ei, Moreno, para diante!". [513]

Cando poño os bois ó carro
sempre digo: "¡Dios delante!"
Coa aguillada na man,
"¡anda, Gallardo, pra diante!". [514]

Cando poño os bois ó carro
sempre digo: "¡Dios delante!"
Nosa Señora me axude!
"¡Eih, Moreno, para diante!". [515]

Cando xungo os bois ó carro,
sempre digo "¡Dios diante!".
Cando chego á carreteira
"¡Ei, Moreno, tira avante!". [516]

Ios collois do cura vello
van nun carro cara o inferno
i a criada vai detrás
"¡tó, Castaño, vente ó rego!". [517]

Miña nai voume casare
miña filla n'hai aceite [518]
aghora pa máis carallo
a Cachorra non dá leite. [519]

Sei arar cun bo arado,
poñer direita a rabela,
atrás Roxa, máis un pouco,
báixate ó regho, Marela. [520]

...Ai Antonia, malo raio te deixara sin fuciños,
trai un pouco d'herba seca pra dar estes becerriños
Chégate p'atrás, Marela, seica 'stás mui deseosa,
quérelo comer ti todo e non déixar prá Garbosa;
¡que conexada de vaca, veñ'o diablo que te leve! [521]

Seis vacas pariron sete xatos
e delas ningunha tivo dous. [522]

¡Marela! [523]

Andaba a pastar vacas nos cobos das Xunqueiras. O choio non rendía e tivo que entrar de peón na fábrica. De peón pasou [524] a torneiro, e de torneiro a mecánico, e agora é capitán dunha máquina enorme que vale moitos millóns e mesmo somella [525] que ten alma.

Chámalle "¡Marela!" e fálalle como falaba ás vacas que baixaba ao río.

E cando escomeza a súa "xornada laboral", porque agora é un productor sindicado, pódese escoitar como lle di, ollándolle ben fixo aos controles [526]:

- ¡*Marela*! A ver como te portas hoxe...

---

[512] MRV:49.

[513] JPBIII:148.15; XLF3:54, localízaa en Ourense. No texto: *ô carro, â corredoira, Éi, moreno* (JPB); *ao carro, Eih, mereno* (sic) (XLF3).

[514] XLF3:54. Localízaa en Melide. No texto: *mán*.

[515] XLF3:54. Localízaa en Fonfría. No texto: *Eih moreno*.

[516] VLLM:1,138. No texto: *â; ¡ei moreno! tira avante*. Recólleo, como refrán, de E. Ribadeneira en Limodre (Pontedeume).

[517] SCHU4/2/704. No texto: *car'o, vent'o.*

[518] No texto: *n-hai.*

[519] SCHU6/2/1686. No texto: *mais.*

[520] SCHU1/2/236. No texto: *direit'á rabela* (sic), *baixat'ó regho*.

[521] Zolle:237. No orixinal destes versos hai unha serie de tiles anómalos que corriximos. No texto: *d'erba, Chegaté pa tras, conéxada de baca, quereló, beñ'o diablo que te lebe.*

[522] Unha das vacas chámase, precisamente, '*Ningunha*'. PM:895. No texto: *nungunha* (sic).

[523] XFV3:121.

[524] Na primeira edición: *pasóu.*

[525] Na segunda edición: *semella.*

[526] Na segunda edición: *controis.*

Conto sen título [527]

Había un fulano que estaba medio enfadado coa súa muller. Vivían xuntos pero levaban tempo sen se falar. E con iso, tiñan boi que se chamaba Zamouco e unha vaca de nome Garabita, e cos dous xunguidos foron arar unha leira, o home co arado e a muller diante á parella.

Entón o home dixo:

-*¡Eeei, Zamouco, dille á túa ama, se quere que enredemos un pouco!*

E nisto di a muller:

-*¡Eeei, Garabita, dille ó teu amo, si quere, que ninguén llo quita!*

E desta forma fixeron as paces.

Da motivación dos nomes tradicionais das vacas en Galicia e da crise onomástica debida á gandería intensiva fala o conto de Afonso Eiré *A vaca galega* que se pode ler en 16.1.

2.4.1. Denominacións segundo a raza

2238 **Cacheno** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte non dá explicación ningunha polo que non sabemos se a denominación correspondía á raza do animal. (RAG).

2239 **Charolesa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado do nome da raza á que pertence. Cada día é máis frecuente a inseminación de vacas rubias con seme de bois charoleses, pola súa facilidade no momento do parto e o rápido crecemento das crías. (RAG).

2240 **Frisona** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado do nome da raza á que pertence. (RAG, Ulloa2).

2241 **Gallega** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado da raza á que pertence o animal (rubia galega). Naturalmente esta palabra é un castelanismo pero non podemos esquecer que é un castelanismo moi asentado no uso e que só recentemente empeza a cedelo lugar á palabra patrimonial *galega*. Dende o Cura de Fruíme a Rosalía e dende Lamas Carvajal a moitos escritores da primeira metade do século XX. Rosalía aínda escribía con toda naturalidade *Cantares gallegos* e Lamas Carvajal *Gallegadas*. Aínda na segunda metade do século XX algún importante escritor porfiou coa Editorial Galaxia para que lle respectase na revisión ortográfica a forma *gallego, gallega*. Non é, polo tanto estraño, que *gallega* sexa aínda ocasionalmente nome propio dunha vaca. *Gallega* era tamén o nome da primeira vaca rubia morta do mal das vacas tolas: aconteceu en Guitiriz, diagnosticouse o 5.01.2001; e foi o 3º caso da enfermidade en Galicia. (RAG).

2242 **Holandesa** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome pode estar xustificada na raza da vaca (RAG) ou na procedencia xeográfica (Arzúa5). (Arzúa5, RAG).

2243 **Limusín** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte non dá motivación ningunha pero parece evidente que o nome proceda da raza do semental. A raza Limousín é orixinaria da rexión oeste do Macizo Central francés. Durante o século XVII comeza unha labor de selección dos reprodutores das liñas Meyssac, Treignac e Vendonnais, ata conforma-la actual raza Limousín. (RAG).

2244 **Limusina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla deste nome se xustifica no nome do pai, *Limusín*. (RAG).

2245 **Pasiega** *s.f.* Nome de vaca da raza propia do val do río Pas. As nosas fontes engaden que este nome tamén se aplica ás vacas con manchas brancas e castañas, por similitude coa capa característica desa mesma raza. (Arzúa5, RAG, Ulloa2).

2246 **Paxega** *s.f.* Ver Pasiega /2245. (Arzúa5, RAG).

2247 **Paxiega** *s.f.* Ver Pasiega /2245. (RAG).

2248 **Pexega** *s.f.* Ver Pasiega /2245. (RAG).

2249 **Pinta** *s.f.* Nome de vaca tradicionalmente utilizado para as vacas de raza frisoa. Algunhas das nosas fontes prefiren motivar este nome non na raza senón na cor da capa, con grandes manchas brancas e negras. O predominio desta forma para bautiza-las vacas pintas, denominación popular da raza frisoa, sobre outros nomes de vacas pintas, como *Andoriña*/*Anduriña*, *Golondrina*, *Lunares* ou *Manchitas*, resulta maioritario. RAG atopa o nome propio

[527] Sarre2., Tras. (recollido de Ricardo Domínguez Álvarez).

Pinta en 43 ocasións fronte a 5 casos das outras formas. (Ancares2, Arzúa5, Gud4, Guil2, Lim6, RAG, Tras., Ulloa2).

2250 **Pinto** *s.m.* Nome de boi. Ve-lo comentario a PINTA /2249. (Lim6, Morei., RAG, Randu., Valen).

2251 **Pisca** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome da raza á que pertence o animal. O caso recollido por VG2 corresponde a un exemplar de raza cachena de Teixeiro. (RAG, VG2:21.08.1999).

2252 **Suíza** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome designa a raza (RAG) ou lembra o alcume do anterior propietario, *o Suízo* (RAG); Gud4 non dá ningunha explicación. (Gud4, Lim6, RAG).

2253 **Suízo** *s.m.* Nome de boi. (Lim6).

2254 **Vianesa** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2255 **Marela pequena** *s.comp.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a adxectivación do nome evita posibles confusións con outra vaca da mesma corte existente anteriormente. (RAG).

2.4.2. Denominacións pola orixe xeográfica ou outros topónimos

2256 **Alemana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado da orixe xeográfica do animal. (RAG, Ulloa2).

2257 **Andaluza** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome procedente da orixe xeográfica do animal, aínda que non nos pareza verosímil. (Ulloa2).

2258 **Arzuana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome deriva da orixe xeográfica do animal. (RAG).

2259 **Asturiana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome pode deberse á raza do animal ou simplemente á súa orixe xeográfica. (RAG, Ulloa2).

2260 **Boada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. Canto á motivación pensamos no topónimo *Boado* de Xinzo de Limia. (RBG-I).

2261 **Bouza** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2262 **Burgo** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. (RBG-I).

2263 **Canda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2264 **Casaia** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa e supoñemos que a motivación é que a vaca viñera de Casaio en Carballeda de Valdeorras. (RBG-I).

2265 **Casalta** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. Pode ser que a motivación sexa que a vaca procedese do lugar da Casalta, en Chandrexa (Parada de Sil). (RBG-I).

2266 **Catalana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla deste nome se xustifica na orixe xeográfica do animal, aínda que non nos parece verosímil. (Ulloa2).

2267 **Compostelana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é un nome derivado da feira onde o gandeiro a mercou. (Ulloa2).

2268 **Cordobesa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte fai proceder este nome da orixe xeográfica do animal, aínda que non nos parece verosímil. (Ulloa2).

2269 **Cubela** *s.f.* Nome de vaca. É nome debido, segundo a nosa fonte, á orixe xeográfica do animal: Cubelo, de Palas de Rei. (Ulloa2).

2270 **Chaguazosa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. Supoñemos que a motivación do nome está en proceder de Chaguazoso (Vilariño de Conso). (RBG-I).

2271 **Checa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte fai correspoder este nome coa orixe xeográfica do animal. (Ulloa2).

2272 **Danesa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte fai corresponder este nome coa orixe do animal. As vacas de raza frisoa importadas desde Dinamarca teñen especial sona. (RAG).

2273 **Devesa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza limiá. (RBG-I).

2274 **Folgoso** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. Podería estar motivado en ser oriúndo de Folgoso en Castro Caldelas ou Montederramo, no territorio natural da raza caldelá. (RBG-I).

2275 **Forcada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. A motivación podería estar na orixe en Forcada (Nogueira de Ramuín). (RBG-I).

2276 **Francesa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado da súa orixe xeográfica. (Arzúa5, RAG).

2277 **Granadina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica na orixe xeográfica do animal. (Ulloa2).

2278 **Laize** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que

é o nome da vaca máis produtiva de Galicia no ano 2000, con 17.300 litros durante a lactación. Probablemente o nome sexa orixinariamente francés. (VG2:7.10.2001).

2279 **Laza** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. Supoñemos que o nome alude a unha posible orixe do concello ourensán de Laza, que cae dentro do territorio natural desta raza. (RBG-I).

2280 **Louresa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. Parécenos que a motivación pode estar en se-la vaca orixinaria de Loureses, dentro do territorio desta raza. (RBG-I).

2281 **Luguesa** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2282 **Malagueña** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte (RBG) engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (Gud7, RBG-I, Tras.).

2283 **Mameda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. Supoñemos que alude a unha orixe na Serra de San Mamede. (RBG-I).

2284 **Manzalva** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte escribe *Manzalba* e engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. Supoñemos que é nome que alude a unha orixe en Manzalvos (A Mezquita) no territorio natural desta raza. (RBG-I).

2285 **Marbella** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2286 **Medeira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dnha vaca seleccionada de raza Limiá. Supoñemos que a motivación pode estar na orixe da vaca en Medeiros (Monterrei), na estrema co territorio natural desta raza. (RBG-I).

2287 **Mendoia** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. Mendoia (Póboa de Trives) está no territorio natural desta raza. (RBG-I).

2288 **Mioteira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. Supoñemos que a motivación está na orixe no lugar da Mioteira en Sas do Monte (Montederramo), dentro do territorio natural desta raza. (RBG-I).

2289 **Mota** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este é un exemplo do uso dun topónimo local como nome de vaca. Os lugares máis próximos son Santo Estevo da Mota (Guntín) e o lugar da Mota na parroquia de Trasparga (Guitiriz). (Arzúa5).

2290 **Navarra** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte xustifica a escolla do nome na orixe xeográfica do animal. (Arzúa5, RAG, Ulloa2).

2291 **Navarro** *s.m.* Nome de boi. (Alence, Morei., RAG).

2291b **Olela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena e, por iso, supoñemos que debía ser oriúnda de Olelas (Entrimo) e que foi o último reduto que quedaba da raza cachena antes da súa recuperación, tal como se dixo en 2.2.1.2. (RBG-I).

2292 **París** *s.m.* Nome de boi. (PLu:27.02.1998).

2293 **Pereira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte (RAG) engade que a escolla do nome se xustifica no lugar de orixe do animal: Pereiro, lugar do Pino. (Gud4, RAG).

2294 **Portela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. Clasificamos este nome como alusivo a algunhas das *Portelas* que hai no territorio natural desta raza, pero podería ter outra orixe: apelido do dono etc. (RBG-I).

2295 **Portuguesa** *s.f.* Nome de vaca. (Morei.).

2296 **Ramila** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. En Viana hai un lugar e parroquia Ramilo do que podería se-la motivación deste nome. (RBG-I).

2297 **Reboreda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. Hai unha Reboreda en Xunqueira de Espadanedo, dentro do territorio natural desta raza, por iso o clasificamos aquí, pero podería derivar do apelido do dono. (RBG-I).

2298 **Requiana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. Hai un lugar de nome Requián en Parada de Sil, dentro do territorio natural desta raza e por iso clasificamos aquí este nome. (RBG-I).

2299 **Rusia** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dun exemplar de raza cachena de Teixeiro. O propietario manifestaba a súa vocación internacional bautizando outras vacas da mesma raza con nomes como *Argentina*, *Bélgica* ou *Soviética*. (VG2:21.08.1999).

2300 **Santanderina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte recolle realmente as formas *Santanderina negra* e *Santanderina blanca*, para diferenciar dúas vacas da mesma orixe que estaban na mesma corte. (RAG).

2301 **Sena** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza limiá. Clasificamos este nome como posiblemente xeográfico, alusivo ó río de París (ver tamén Paris). (RBG-I).

2302 **Sevilla** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2303 **Sevillana** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2304 **Sil** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza caldelá.

Supoñemos que alude ó nome do noso río. (RBG-I).

2305 **Soviética** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dun exemplar de raza cachena de Teixeiro. (VG2:21.08.1999).

2306 **Turca** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte xustifica o nome na orixe xeográfica do animal, o que nos parece realmente inverosímil. *Explotacións das máis avanzadas e tecnificadas desprazáronse ó estranxeiro para proverse destas reses; de aí poderían proceder nomes de vacas como 'Alemana', 'Checa' ou 'Turca'*. (Ulloa2).

2307 **Valencia** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte xustifica o nome na orixe xeográfica do animal, feito que nos parece pouco verosímil. (Ulloa2).

2308 **Valenciana** *s.f.* Ver Valencia /2307. (Ulloa2).

2309 **Viana** *s.f.* Nome de vaca. (Morei.).

2310 **Vilanova** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2.4.3. Denominacións segundo a cor



Paloma e Rubia ó xugo (http://galicias.com/Camba/). Obsérvese a reutilización das alfombras dun coche como cubertas da molida.

2311 **Aborrallada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado da cor da capa do animal, que lembraba á borralla. (RAG).

2312 **Andoriña** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe á presenza de pintas negras e brancas. Para entender esta denominación é ben lembrar que hai dúas andoriñas. A andoriña común (*Hirundo rustica*) é negra co peito e ventre branco sucio. E a andoriña do cu branco (*Delichon urbica*) ten o peito e o cu brancos. As dúas especies son comúns en Galicia se ben a segunda está cada ano máis comprometida e son frecuentes en zonas urbanas ou urbanizadas. A primeira aniña no interior dos edificios, nas trabes de alpendres e outros edificios, sempre co niño aberto en forma de cunca; a segunda é a que aniña baixo os beirados dos tellados e balcóns e fai un niño pegado á parede e cunha pequena abertura nun lado. Entendemos que a súa cor branca e negra é o que motiva o nome que comentamos para unha vaca pinta. (Ulloa2).

2313 **Anduriña** *s.f.* Ver Andoriña /2312. (RAG, Ulloa2).

2314 **Barrosa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe á cor vermella da capa do animal. (RAG).

2315 **Barroso** *s.m.* Nome de boi. Ver no apart. 7.3.1. *Reprodución*, un conto de Xoán R. Cuba e outros titulado *O corazón do touro Barroso*. (RAG, XCARXM2).

2316 **Branca** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe á cor branca predominante no animal. A nosa informante (RAG) ofrece un dato que podería ser sociolingüístico: a forma *Blanca* aparece en 16 casos, *Blanquita* en 3 (tamén a temos de Gud4) e *Blanquiña* en 1. Outras fontes tamén recollen os nomes *Blanca* (Arzúa5, Ulloa2; neste último caso designando unha vaca pinta normal) e *Blanco* (RBG-I, para denominar

un boi frieirés). Mentres tanto, *Branca* só aparece 3 veces, o que parece indicar un certo predominio do castelanismo. Pero, ademais de que as dúas formas proceden dunha raíz xermánica *blank*, a consulta do mapa 311 do *Atlas Lingüístico Galego, III Fonética*, (MGG:ALG 364-365) infórmanos de que as formas *blanco* / *branco* están distribuídas por igual por toda Galicia, coexisten en case tódolos lugares pero que é precisamente na zona da Ulloa onde a forma *branco* é case inexistente. (RAG, Ulloa2).

2317 **Canela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2318 **Careta** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla deste nome se xustifica por te-la cara de cor branca ou máis clara có resto do corpo. (Arzúa5, RAG, Ulloa2).

2319 **Castaña** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte en Ulloa2 fai procede-lo nome da raza Pardo Alpina. *Chamabámoslle Castaña porque sempre foi de feituca coma os froitos dos ourizos* (XVP1:17). (Gud4, Lim6, Morei., RAG, Tras., Ulloa2, Velle1, XRMF4, XVP1).

2320 **Castaño** *s.m.* Nome de boi. (Lim6, Morei., RAG).

2321 **Cereixa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe á cor vermella da capa. *Meu queridiño Marcos: Saberás c'o vinteun baixei a Ourense c'angueira de ver si no feiral d'o Bellau vendía unha cría d'a miña Cereixa. ¡A condanada non saiu á nai! Era maumiña* (Aleixos1:4). (An18, Arzúa5, Ctel1, Gud7, Morei., RAG, Tras., Ulloa2, Velle1, XRMF4).

2322 **Cereixeira** *s.f.* Ver Cereixa /2321. (Ulloa2).

2323 **Cerva** *s.f.* Nome de vaca. RAG engade que se debe á cor da capa. Na información tirada de RBG-I trátase dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (Ancares2, RAG, RBG-I, XRMF4).

2324 **Cincenta** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe á cor da capa do animal. (RAG).

2325 **Cireixa** *s.f.* Ver Cereixa /2321. RAG rexistra sete casos de *Cireixa* por dous de *Cereixa*. (RAG).

2326 **Conchada** *s.f.* Ver Cunchada /2327. (RAG).

2327 **Cunchada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe á presenza dunha pinta branca na testa. *Os vacónimos 'Conchada' e 'Cunchada' son moi tradicionais, aínda que hoxe se empreguen desprovistos do seu significado orixinario 'animal cunha mancha na fronte con forma de cuncha'. Con este significado aparece 'conchado, -da' no dicionario de Franco Grande, aínda que noutras obras lexicográficas máis modernas o mesmo adxectivo aplicado a animais vén definido como 'animal de cor escura coa cara branca'. Supoñemos que a cor branca á que fai referencia a definición pode ser unha simple pinta*. (RAG).

2328 **Dourada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte (RBG-I) engade que tamén identifica unha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (Gud5, RBG-I, Tras.).

2329 **Estrela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe á presenza dunha pinta branca na testa. RAG recolle tamén a forma castelá *Estrella*, con 9 casos fronte a un único caso da forma patrimonial *Estrela*. Outros informantes recollen as variantes *Estreliña* e *Estrellita*. (RAG).

2330 **Estreliña** *s.f.* Ver Estrela /2329. (RAG).

2331 **Faixa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. Supoñemos que a denominación pode deberse á distribución da cor da capa do animal. (RBG-I).

2332 **Fusca** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que o nome se debe á cor escura da súa capa. (RAG).

2333 **Galaxia** *s.f.* Nome de vaca. RAG fai proceder este nome da cor branca da súa capa. (RAG, Ulloa2).

2334 **Guinda** *s.f.* Nome de vaca. RAG engade que este nome se debe á cor da capa, que lembra á da froita. (Gud5, Gud7, RAG, Tras.).

2335 **Laranxa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica na cor da capa do animal. (RAG).

2336 **Loura** *s.f.* Nome de vaca. (Arzúa5, GB2, Lim6, Morei., RAG, Velle1, XRMF4).

2337 **Louro** *s.m.* Nome de boi. Ctel1 engade que é nome que se lle pon ós bovinos do país, rubios, máis colorados que os marelos. (Cast., Ctel1, Lim6, Valen.).

2338 **Lúa** *s.f.* Ver Luceira /2339. RAG e Ulloa2 recollen tamén a forma castelá *Luna*. (RAG).

2339 **Luceira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica pola presenza dunha pinta branca na testa, que lle lembraba ó propietario unha estrela, unha lúa, unha cuncha etc. (RAG).

2340 **Marela** *s.f.* Nome de vaca. É nome que se lle pon ás vacas do país que tiran máis ó pardo e son máis claras cás rubias. *E n'esto, a condanada da Marela, enroscou o rabo e moscou, e as outras fixeron-o mesmo, e tiven que botarme trás d'elas por mor do millo* (GB1:63). *¿E vas vendel-a Marela?/ Non fago moita intenceón...* (PL2:4). RBG-I recólleo como nome dunha vaca seleccionada de raza frieiresa. (Aranga, Arzúa5, Beman., Bidu., Calo, Cam4, Cervá1, Culle., Cur.,

Fuxás, GB1, GB2, Gud4, Lava., Leir-A, Lendo, Meir., PL2, Pre., RAG, RBG-I, Rendal, SComba, Teo, Ulloa2, Velle1, Vmaior, XRMF4).

2341 **Marelo** *s.m.* Nome de boi. Adóitase poñer este nome ós bovinos de color máis clara que os rubios do país. *Cando se tiñan parellas de bois sempre estaban formados por un máis claro e outro máis escuro. Chamábanse Marelo e Vermello* (Castre,). ERG cita as fórmulas *¡Ei, marelo!*, *¡To aquí, marela!*. (Bidu., Calo, Castre., Culle., ERG, Fuxás, Poulo, Pre., RAG, Rendal, Valen.).

2342 **Morena** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome que se lle pon ás vacas de capa gris, fusca. (Ancares2, Aranga, Arzúa5, Beman., Car2, Cervá1, Ctel1, Culle., Cur., Gud4, Lava., Leir-A, Lestón, Lim6, Loures., Morei., RAG, Ulloa2, XRMF4).

2343 **Moreno** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome que se lle pon ós bovinos de capa fusca, grisalla. (Bidu., Calo, Car2, Figue1, Figue2, Fuxás, Lim6, Morei., Pade., Poulo).

2344 **Moura** *s.f.* Nome de vaca. Aplícase a vacas de color negra ou moi escura. Aínda que o usual é que este nome se aplicara a vacas caracterizadas pola súa cor escura ou negra, tamén hai casos nos que perdeu a relación co seu significado, pasando a designar a unha vaca pinta sen máis, como tamén acontece cos nomes de *Blanca*, *Negra*, *Paloma* ou *Roxa*. Arzúa5, Ctel1, Figue2, Gud4, Laraxe e Ulloa2 rexistran a forma *Mora*. Tamén RAG, que a recolle *Mora* en 27 ocasións fronte á forma *Moura* nunha única ocasión; recolle igualmente o diminutivo *Morita* en 11 ocasións. (RAG, XRMF4).

2345 **Mourecha** *s.f.* Ver Moura /2344. (RAG).

2346 **Mouro** *s.m.* Nome de boi. Ver Moura /2344. (RAG).

2347 **Murena** *s.f.* Ver Morena /2342. (RAG).

2348 **Negra** *s.f.* Nome de vaca. RAG recolle tamén outros nomes con modificador, referido a un atributo físico (*Negra de cornos*), á procedencia (*Negra de Souto*) ou á idade (*Negra grande* e *Negra pequena*). Igualmente, recolle o diminutivo *Negrita*, que tamén o temos de Gud4. (Arzúa5, RAG, Ulloa2, XRMF4).

2349 **Negro** *s.m.* Nome de boi. RBG-I recólleo como nome dun semental da raza Frieiresa. (RAG, RBG-I).

2350 **Oscuro** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2351 **Parda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte (RAG) engade que este nome se debe á cor agrisada da capa, non porque fose da raza Pardo Alpina. (Arzúa5, Gud4, RAG, Ulloa2, Velle1, XRMF4).

2352 **Pardiña** *s.f.* Ver Parda /2351. (RAG).

2353 **Pardo** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2354 **Pichona** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome que se lles dá ás vacas de color branca. (Ctel1, Ctel6, Morei.).

2355 **Pomba** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome se xustifica pola cor abrancazada, ou clara, da capa de animal. RAG recolle o uso da forma castelá *Paloma* en 40 ocasións fronte a un único caso da forma patrimonial *Pomba*. Dáse tamén o caso de chamar *Paloma* a unha vaca pinta sen que predominara a cor branca (Arzúa5). Outros informantes que tamén recollen o nome de *Paloma* son Cervá1, Cod., Com1, Ctel1, Figue2, Gud4 e Ulloa2. (RAG, Ulloa2).

2356 **Preta** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. Supoñemos que aludirá á cor ben escura da súa capa. (RBG-I).

2357 **Raiola** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte motívao na cor branca do animal. (RAG).

2358 **Rata** *s.f.* Nome de vaca. Supoñemos que pola cor gris da capa. (Gud4).

2359 **Ratina** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome se xustifica na cor gris ou cinsenta da capa. (RAG, Ulloa2).

2360 **Raxado** *s.m.* Nome de boi. Ctel1 engade que é nome que se lle pon ós bovinos que teñen a capa máis clara cós marelos. (Car2, Ctel1).

2361 **Roxa** *s.f.* Nome de vaca. Pónselle ás vacas que teñen a capa máis clara cás marelas. (Aranga, Arzúa5, Beman., Cam4, Cervá1, Ctel1, Culle., Cur., Gud7, Hermi., Lava., Leir-A, Lestón, Meir., Neda, RAG, SComba, Ulloa2, Vmaior.).

2362 **Rubia** *s.f.* Nome de vaca. Pónselle ás vacas que teñen a capa vermella. RAG recolle variantes: *Rubia de Monforte*, *Rubia de Teilán* e *Rubia de Santa Cruz*. (Arzúa5, Ctel1, Gud4, Lim6, Pre., RAG, Ulloa2, Velle1, XRMF4).

2363 **Rubio** *s.m.* Nome de boi. *Rubio* é o nome do protagonista do conto "A memoria do boi", de Vázquez Pintor, que podemos ler completo no capítulo 16. *A vaca na literatura*. (Lim6, PLu:27.02.1998, RAG, XVP3).

2364 **Teixa** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes recollen este nome para vacas de capa castaña, de capa parda ou co fociño ou o pescozo de cor negra. (Arzúa5, RAG, Ulloa2).

2365 **Teixo** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2366 **Terrosa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2367 **Toupa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este é o nome dunha vaca pequena e de cor negra. (RAG).

2368 **Trigueña** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte explica que esta vaca tiña a capa dunha cor intermedia entre a rubia e a marela. (Ulloa2).

2369 **Vermella** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome que se lle pon ás vacas rubias.

Algunhas das nosas fontes (por ex. ERG, MAM e RBG) escriben *Bermella*. *Catuxa* [...] *entrou n-o cortello, y-âs apalpadas pol-a mor d'a escuridade, coneceu â 'Bermella' e facéndolle unhas caricias co-a mau, díxolle esas cousas que soilo se din âs persoas que se queren moito* (MAM:2). *¡Vermella! ¡Vente aquí, Vermella! No, tí seique... E o rapás tiraba pola corda da Vermella, que enteneaba en pacer fora da estrema* (GB2:11). *Non era* [Rubia], *con todo, o único nome que podían recibir estes animais referido á súa cor, senón que había medio século atrás outros como 'Vermella' e 'Cereixa' debidos, podemos pensar, a que nesta variedade predominan as notas vermellas. Destes, 'Vermella' debeu ser relativamente usual, se ben ningún dos dous chegou a datas recentes* (Arzúa5). RBG-I recolle *Bermella* como nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (Arzúa5, ERG, Figue2, GB2, MAM, RAG, RBG-I, XRMF4).

2370 **Vermello** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome que se lle pon ós bovinos de capa rubia. Algunhas das nosas fontes (p. ex., ERG e Figuei2) escriben *Bermello*: *¡To, Bermello, to!*. (Buga-N, Castre., ERG, Figue2, Fuxás, Pre., Randu.).

2371 **Careta Negra** *loc. s.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla deste nome se xustifica por te-la cara de cor negra. (RAG).

2.4.4. Denominacións segundo os cornos

2372 **Broca** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe á feitura e disposición dos cornos. Arzúa5 engade que se parecen ós obxectos utilizados para perforar. RAG di que son "cornos tortos e cara abaixo". (Arzúa5, RAG).

2373 **Brocas** *s.f.* Ver Broca /2372. (RAG).

2374 **Cabana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe á feitura e presentación dos cornos. A nosa informante engade que os gandeiros que así bautizaron ó seu animal xa non eran conscientes do seu significado. (RAG).

2375 **Cabano** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome que se lle pon ós bovinos cos cornos cara adiante e caídos. Estr4: *Cabano...! Jallardo!*. (Cang2, Cang3, Estr4, Guil2, Neves2, Rendal, Valad2, Xeve).

2376 **Cachena 1** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte (RAG) engade que corresponde a unha vaca que posuía grandes cornos como os característicos desta raza, aínda que esta vaca en particular non era de raza cachena. En cambio Ulloa2 refire un caso debido á ausencia de cornos. (RAG, Ulloa2).

2377 **Calva** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe a que o animal tiña os cornos orientados tan cara atrás, que parecía que non os tiña. RAG cita xa no século XIII a existencia dunha vaca con este nome: *una vaca que avía nome Calva* (doc. de Montederramo de 1296) e outra de nome *Calveliña* (doc. de 1292). (Arzúa5, RAG).

2378 **Carballiña** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla deste nome se xustifica na feitura dos seus grandes cornos. (RAG).

2379 **Cornecha** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe á falta dun corno no animal así bautizado. (RAG).

2380 **Corneta** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe á feitura e presentación de grandes cornos no animal. (RAG).

2381 **Cornetín** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2382 **Cornuda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe á feitura e presentación de grandes cornos no animal. (RAG).

2383 **Cotena** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe á falta de cornos. (Ulloa2).

2384 **Gaiteiro** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Frieiresa. Lémbrese que *gaita* no barallete dos afiadores ouresáns significa corno. (RBG-I).

2385 **Gallada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome debido a presenta-los cornos grandes e abertos. (Loures., RAG).

2386 **Gallarda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome propio que se lles dá ás vacas de cornos altos e separados. RAG recolle este nome para unha vaca filla dun boi chamado *Gallardo*. RAG explica que *Ás vacas de cornos grandes pónselles 'Cachena' (1), 'Carballiña' (1), 'Corneta' (2), 'Cornetín' (1), 'Cornuda' (3), 'Gallarda' (31), 'Galleira' (4), 'Picona' (1), 'Piñeira' (2), 'Pisco' (1). Os vacónimos 'Gallarda', 'Galleira', 'Piñeira' e 'Pisco' son os máis tradicionais xa que non só aparecen recollidos nos dicionarios máis antigos* (Franco Grande, Piñol, Carré, Eladio Rodríguez) *e no 'Glosario de voces galegas de hoxe' de Constantino García como adxectivos ou substantivos que se lles aplicaban ás vacas ou bois que tiñan cornos grandes, abertos e orientados cara arriba, senón que moitos dos nosos informantes especificaban que se trataba de nomes de outrora. Actualmente estes adxectivos están desaparecendo do*

léxico común galego, de feito a maior parte dos diccionarios modernos non os recollen. Malia todo, na sabedoría popular aínda segue viva a lembranza da motivación destes nomes. Mesmo no caso de 'Gallarda' un dos informantes especificou que antes era frecuente dicir 'ten os cornos gallardos' para referirise a un bovino que tiña os cornos como máis arriba explicamos. Respecto deste vacónimo hai que dicir que non se pode descarta-la posibilidade de que sexa un nome que se impón debido a que a vaca nomeada é un exemplar bo, grande e belo, aínda que estes serían casos minoritarios porque gallardo, -da co significado de 'esvelto, ben feito' non conta con moito uso na fala común. Con todo, nalgunhas obras de antropoloxía galega este vacónimo aparece explicado deste xeito e cita XRMF4:82. Así, a nosa informante de Ulloa2 atribúe a este nome unha intención calificativa do animal: *'Gallarda', 'Garbosa', 'Garrida' e 'Linda', todos eles denominadores de elegancia e fermosura, foron e seguen sendo os catro máis empregados para tales menesteres*. (Aranga, Arzúa4, Arzúa5, Beman., Cervá1, Ctel2, Culle., Cur., ERG, Grixó, Gud5, Hermi., Lava., Leir-A, Lestón, Lim6, Meir., Morei., RAG, Tras., Ulloa2, XRMF4).

2387 **Gallardo** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome que se lle pon ós bois de cornos grandes, abertos e cara arriba, feitura que consideran moi elegante. *¡Outra volta ainda mais! -Volve, Gallardo; tente ó rego, Cardón* (JIR:8). (Culle., JIR, Lim6, RAG).

2388 **Galleira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome aplicado ós animais de cornos grandes e abertos. Ve-lo comentario a Gallarda /2386. (Morei., RAG, Sete-L, Ulloa2, Velle1, XRMF4).

2389 **Gancha** *s.f.* Nome de vaca. (Lim6).

2390 **Gancho** *s.m.* Nome de boi. (Lim6).

2391 **Gandeira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome propio de vaca que ten os cornos cara arriba. (ERG).

2392 **Ghallarda** *s.f.* Ver Gallarda /2386. (Neda, Pal., Pre., Ribe1).

2393 **Ghallardo** *s.m.* Ver Gallardo /2387. (Cang2, Cur., Estr4, Fuxás, Leir-A).

2394 **Guiteira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica na presentación e tamaño dos cornos, grandes e abertos. Lémbrese que *guito* é nome dun forcado para coller herba. (RAG).

2395 **Mona** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome se xustifica na ausencia de cornos. (Arzúa5, RAG, Ulloa2).

2396 **Mouca** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe á ausencia de cornos. (Gud4, RAG, XRMF4).

2397 **Muguela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa; en calquera caso *muguela* é a vaca á que lle falta un corno. (RBG-l).

2398 **Picona** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica na presenza de cornos grandes e abertos. (RAG).

2399 **Piñeira** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que este nome se xustifica no tamaño e disposición dos cornos, grandes e dirixidos cara arriba. (RAG, Ulloa2).

2400 **Pisco** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte repite este nome que parece masculino e engade que a escolla do nome se xustifica na disposición dos cornos, grandes e dirixidos cara arriba. (RAG).

2.4.5. Denominacións segundo a idade

2401 **Becerra** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que o feito de que unha vaca adulta conserve o apelativo de *becerra* como nome propio indica que foi criada na casa. (RAG).

2402 **Bucha** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que *bucho* e *bucha* son sinónimos de becerro/becerra e a súa conservación como nome da vaca adulta indican que se criou na casa. (RAG).

2403 **Cucha** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que *cucho* e *cucha* son sinónimos de becerro/becerra e o seu uso como nome do animal adulto indica que foi criado na casa. (RAG).

2404 **Cuxa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que o uso de *cuxa*, sinónimo de becerra, como nome dunha vaca adulta indica que se criou na casa. (Arzúa5, RAG).

2405 **Nova** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que con este nome se bautizaba a vaca que viña a substituír a unha das que había na corte. (Arzúa5, Noalla3, RAG, Ulloa2).

2406 **Novela** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2407 **Nuvela** *s.m.* Ver Novela /2406. (Lim6, Morei., RAG).

2408 **Nuvelo** *s.m.* Nome de boi. (Lim6).

2409 **Perico** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2410 **Poita** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome usado tamén como xenérico de xovenca. (Xun2).

2411 **Vella** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte explica que se trataba dunha vaca nomeada doutra

forma pero que, cando se converteu na máis vella da corte, rebautizárona como *Vella*. (RAG).

2412 **Xata** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a conservación, xa sendo adulta, do nome co que a coñecían de nova, indica que foi criada na casa. (RAG, Ulloa2).

2413 **Xato** *s.m.* Nome do boi semental de raza rubia e de seis anos, que no 2007, en Toldaos (Láncara), matou a cornadas o seu dono, que tentaba cun gallete impedirlle achegarse a unha vaca en celo. (VG2:23.05.2007).

2414 **Xovenca** *s.f.* Nome de vaca. Ver Xata /2412. (Arzúa5, RAG, Ulloa2).

2415 **Xovenco** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2416 **Xuvenca** *s.f.* Ver Xovenca /2414. (Arzúa5, RAG, Ulloa2).

2.4.6. Denominacións por outras características físicas

2417 **Corza** *s.f.* Nome de vaca. Ver corza 1 /337 como raza non identificada (apart. 2.2.3). *Atopamos algúns casos de vacas chamadas 'Corza'. É moi posible que este nome fose introducido na Comarca da Ulloa a través dalgunha vaca procedente da zona norte de Lugo, onde son máis comúns estes cérvidos. Tamén cabe a posibilidade de que este nome fose motivado polo aspecto físico da vaca, xa que 'corzo' do latín vulgar 'Cortiu', significa rabelo e que ten os cornos moi pequenos*. (Ulloa2).

2418 **China** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte alude ó feito de que a vaca tiña os ollos algo achinesados. (RAG).

2419 **Gacha** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe a presenta-las orellas dobradas cara adiante. (RAG).

2420 **Peluda** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2421 **Rabela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a vaca presentaba un rabo pequeno, moi curto. (RAG).

2422 **Rabena** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica na falta dun trozo de rabo. (RAG).

2423 **Riza** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome se xustifica no pelo crecho que presentaba o animal. (Gud4, RAG, Ulloa2).

2424 **Rizos** *s.f.* Ver Riza /2423. (RAG).

2.4.7. Denominacións por características positivas

2425 **Bemposta** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. Canto á motivación pódese pensar no topónimo *Bemposta*, nun calificativo *ben posta* semellante a *ben feita* e mesmo nun veterinario de apelido *Bemposta*. Os técnicos do Pazo de Fontefiz que controlaban esta vaca dixéronnos que chegou ós 25 anos de idade. (Fontefiz, RBG-I).

2426 **Benfeita** *s.f.* Nome de vaca. A escolla deste nome indica a consideración que o propietario ten do seu animal. (RAG).

2427 **Bola** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2428 **Bonita** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome debido á positiva consideración que o propietario ten do seu animal. (Ancares2, Gud4, RAG, Tras., Ulloa2).

2429 **Bonitiña** *s.f.* Ver Bonita /2428. (Ulloa2).

2430 **Bonito** *s.m.* Nome de boi. (PLu:27.02.1998).

2431 **Campeona** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe a que destaca sobre as outras por algunha calidade positiva que a nosa informante non especifica. (RAG, Ulloa2).

2432 **Caporal** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2433 **Cariñosa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla deste nome evidencia intención apreciativa. (Ulloa2).

2434 **Condesa** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que na Ulloa parece ser simplemente un novo uso dun título de nobreza. RAG recolle tamén unha vaca co mesmo nome e di que no seu caso deriva de que o anterior propietario se apelidaba *Conde*. (RAG, Ulloa2).

2435 **Coqueta** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome con evidente carga de emotividade. (RAG).

2436 **Cuca** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a razón deste nome, ou da súa variante *Cuquiña*, pode estar relacionada co significado da voz: "xeitosa, boa". *A Cuca* é o título dun precioso conto de Xosé Manuel Carballo que podemos ler completo no cap. 16. *A vaca na literatura* e que relata as aventuras desta vaca, de raza frisoa, entre as compañeiras de corte, varias vacas rubias. (Arzúa5, Ctel2, RAG, Ulloa2, XMC).

2437 **Cuco** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que

é nome dun boi que representou a raza rubia galega no Salón Internacional de Agricultura de París en 1998. (PLu:27.02.1998).

2438 **Cuquiña** *s.f.* Ver Cuca /2436. (RAG).

2439 **Chula** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que na Ulloa utilízase para destaca-las calidades positivas do exemplar. Tamén se recolle como nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I, Ulloa2).

2440 **Dona** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dado a unha vaca grande e pousona. (Com4).

2441 **Duquesa** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2442 **Fidalga** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome que se lle pon ás vacas que os donos consideran lucidas. O aspecto inclúe uns cornos que a fan elegante. (Ctel1).

2443 **Fidalgo** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Limiá. (RBG-I).

2444 **Forza** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2445 **Galana** *s.f.* Nome de vaca. (Ancares2, RAG, XRMF4).

2446 **Garbosa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome fai referencia á boa presenza ou ás boas calidades do animal. (Ancares2, Arzúa5, Gud5, Gud7, Lim6, Morei., RAG, Ulloa2, XRMF4, Zolle).

2447 **Garboso** *s.m.* Nome de boi. (Lim6).

2448 **Garrida** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que se debe ó aprecio do propietario pola vaca. *E o labrego segue a conducir a xugada, a falar baixiño coa Linda e coa Garrida, que tiran firmes da vella canción ('se queres que o carro cante...')* (XVP2:143). (Arzúa5, Lim6, Morei., RAG, Ulloa2, XRMF4, XVP2).

2449 **Garrido** *s.m.* Nome de boi. (Lim6).

2450 **Graciosa** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2451 **Grande** *s.* Nome de boi ou de vaca. RBG-I recólleo como nome dun semental da raza Vianesa e RAG como nome de vaca. (RAG, RBG-I).

2452 **Guapa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome pretende resalta-las calidades positivas do animal, neste caso a súa beleza. (Ulloa2).

2453 **Guerrida** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2454 **Infanta** *s.f.* Nome de vaca. (RAG, Ulloa2).

2455 **Leiteira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte xustifica a escolla do nome na boa capacidade de produción de leite desa res. Ulloa2 recolle a forma castelá *Lechera*. (RAG).

2456 **Linda** *s.f.* Nome que se lle pon á vaca que os donos consideran bonita. (Ancares2, Arzúa5, Figue2, Morei., RAG, Tras., Ulloa2, XRMF4, XVP2).

2457 **Lindo** *s.m.* Nome de boi. (PLu:27.02.1998, RAG).

2458 **Marabilla** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2459 **Marqués** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte en Laraxe recólleo xa identificando un becerro. (Laraxe, RAG).

2460 **Marquesa** *s.f.* Nome de vaca. RAG recolle este nome como derivado do nome do pai, *Marqués*. (Ancares2, Gud4, Hermi., Loures., Morei., RAG, Tras., Ulloa2, XRMF4).

2461 **Melosa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica no agradable comportamento desta vaca. (Ulloa2).

2462 **Pacedora** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica no feito de que a vaca era boa pacedora. (Ulloa2).

2463 **Pachola** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome se xustifica no carácter tranquilo -pachorrento- desta vaca (Ulloa2) ou na herdanza do nome do pai, *Pacholo* (RAG). (RAG, Ulloa2).

2464 **Paisana** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2465 **Pancha** *s.f.* Ver Pachola /2463. (RAG, Ulloa2).

2466 **Pasensia** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte di que definía o carácter dunha vaca grande e pousona. (Ortoño).

2467 **Pastor** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2468 **Pastora** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome se xustifica no feito de que a vaca actuaba de guiadora do rabaño (Ulloa2) o de que é dócil e boa de gardar (RAG). A nosa informante en Ulloa2 destaca o feito de que este nome, moi usado na actualidade, perdeu o seu significado inicial e se se segue utilizando é máis por tradición. RAG recolle o caso dunha vaca así chamada por ser filla dun semental coñecido como *Pastor*. (Arzúa5, RAG, Ulloa2).

2469 **Pavera** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica polo agradable aspecto da vaca. (Ulloa2).

2470 **Perica** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte (Ulloa2) engade que a escolla do nome se xustifica no carácter pacífico do animal, que lembra ó dunha ovella ou perica. *E o que sucedía era que, chegado o caso, poñíanse a petirrar sobre quén lle tocaba [arrecada-la vaca]: -Tócache a ti. -Mentira, que che toca a ti. Eu fun darlle antes á Marela. -I eu funlle dar á Perica despóis* (GB2:227). (GB2, Ulloa2).

2471 **Perla** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome pretende destaca-las calidades positivas do animal. (Arzúa5, RAG, Ulloa2).

2472 **Pitufa** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que se lle dá este nome a vacas pequenas e delgadas pero que se consideran boas vacas. (RAG, Ulloa2).

2473 **Preciosa** *s.f.* Nome de vaca. (RAG, Ulloa2).

2474 **Prica** *s.f.* Ver Perica /2470. Arzúa5 explica que este nome xa non se aplica ó gando pero que parecía gozar de certa difusión hai 50 anos, aplicado a vacas consideradas como bonitas e ben feitas. (Arzúa5, San.).
2475 **Princesa** *s.f.* Nome de vaca. (RAG, Ulloa2).
2476 **Pulida** *s.f.* Nome de vaca. (Ctel1, RAG, Ulloa2).
2477 **Rambo** *s.m.* Nome de boi. RAG colócao entre os nomes sen explicación pero é verosímil que, dada a popularidade do personaxe *Rambo* no cine hai poucos anos, este boi fose un animal especialmente musculoso. (RAG).
2478 **Rexa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. Supoñemos que o nome alude á fortaleza do animal. (RBG-I).
2479 **Rico** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Vianesa. (RBG-I).
2480 **Rufo** *s.m.* Nome de boi. (RAG).
2481 **Salada** *s.f.* Nome de vaca. (Gud4).
2482 **Serrana** *s.f.* Nome de vaca. (Ancares2, RAG, XRMF4).
2483 **Talingo** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que quen impuxo este nome usa a palabra *talingo* co valor de "parado, que anda moi a modo" (é dicir, res tranquila). Valladares recolle *talingón* como "persoa desproporcionadamente alta". (RAG).
2484 **Vistosa** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).
2485 **Xeitosa** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2.4.8. Denominacións por características negativas

2486 **Artista** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte faino provir da súa capacidade para facer sempre o que quere: neste caso, liscar do prado. (RAG).
2487 **Bailarina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe ó peculiar comportamento do animal: "saltaba demasiado". (RAG).
2488 **Barriguda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).
2489 **Becho** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome contrasta coa norma habitual de utilizar nomes con carga positiva para bautizalas vacas. (RAG).
2490 **Birolla** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe a un defecto que a vaca presentaba na vista. (RAG).
2491 **Boba** *s.f.* Nome de vaca. (Ancares2).
2492 **Brava** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe ó comportamento indócil e agresivo do animal. (RAG).
2493 **Caneco** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).
2494 **Caneluda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe, probablemente, a que tiña as patas delgadas. (RAG).
2495 **Canguro** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe ó seu peculiar comportamento: "saltaba demasiado". (RAG).
2496 **Caprichosa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que escolla deste nome recolle previsiblemente unha valoración negativa. *Se para os nomes de vacas que tiñan como referente adxectivos indicadores de calidades positivas receabamos dunha motivación consciente reiterámonos ó presenta-los de carácter negativo, pois efectivamente pode haber unha vaca que sexa 'Tonta' e incluso 'Paiola', aquela vaca torpe de movementos e pouco aleuta, o que xa parece menos verosímil é que poida haber unha vaca 'Celosa' ou unha vaca 'Caprichosa'*. (Ulloa2).
2497 **Celosa** *s.f.* Nome de vaca. Ve-lo comentario a Caprichosa /2496. (Ulloa2).
2498 **Coxa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe a unha peculiar forma de camiñar. (RAG).
2499 **Chaparra** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe á constitución baixa e gordecha do exemplar. (Ulloa2).
2500 **Chispa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe ó peculiar comportamento do animal: "corría moito". (RAG).
2501 **Chosca** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe a un problema físico na vista. (RAG).
2502 **Demonio** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte explica que esta vaca en particular "era moi mala". (RAG).
2503 **Dormida** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe ó peculiar carácter do animal que era "demasiado lenta". (RAG).
2504 **Estrangallada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe a algún problema relacionado coa marcha do animal aínda que a nosa fonte non o especifica. (RAG).
2505 **Estreita** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe á constitución feble e delgada da vaca. (Ulloa2).
2506 **Fea** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome que contrasta co uso máis habitual de denominacións apreciativas dos animais. (RAG).

2507 **Felina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2508 **Ferreña** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome motivado en que se trata dun animal "de carácter indomable e duro coma o ferro". (Ulloa2).

2509 **Folgazana** *s.f.* Nome de vaca. (Ancares2).

2510 **Ladroa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica porque a vaca posúe o vizo de entrar a pacer nos cultivos próximos ó pasto onde a alindan. A nosa informante engade que máis que nome propio é un alcume que recibe a vaca polo seu comportamento, alcume que remata prevalecendo ó nome orixinario. Temos recollido *ladra* e *ladrona* como adxectivos calificativos desta actitude. (Ulloa2).

2511 **Larpeira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica no feito de que a vaca comía a comida das outras vacas veciñas. (RAG).

2512 **Montesca** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica no comportamento do animal, que bruaba moito. (RAG).

2513 **Mula** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte xustifica a escolla do nome no carácter teimudo desta vaca. (RAG).

2514 **Nerviosa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica no carácter nervioso do animal: "de pequena saltaba de máis". (RAG).

2515 **Olímpica** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla deste nome se xustifica no feito de que cando esta vaca era nova saltaba de máis. (RAG).

2516 **Paiola** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica no feito de que a vaca era torpe de movementos e pouco aleuta. (Ulloa2).

2517 **Panda** *s.f.* Nome de vaca. Aínda que a nosa fonte di que *pandea* a vaca que se move lentamente, supoñemos que a motivación deste nome é que a tal vaca ten o lombo afundido de seu ou por un golpe. Ver PANDA 1 /4043. (RAG).

2518 **Pelota** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome se xustifica no aspecto da vaca, gorda e pequena. (RAG, Ulloa2).

2519 **Pequena** *s.f.* Nome de vaca. (RAG, Ulloa2).

2520 **Porrón** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica na planta da vaca: redonda, barriguda. (RAG).

2521 **Rápida** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome espella unha consideración negativa do comportamento da vaca: "é mala". (RAG).

2522 **Redonda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que normalmente se aplica este nome a vacas baixas, gordas, barrigudas (RAG,Ulloa2), pero XRMF4 cítao no grupo que fai alusión ó porte e á beleza. (Morei., RAG, Ulloa2, Tras., XRMF4).

2523 **Tola** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica no comportamento do animal, que parecía doente. (RAG).

2524 **Tonta** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2525 **Tora** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla deste nome se xustifica no carácter agresivo do animal, que sempre andaba a turrar. (RAG).

2526 **Xota** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca moi asustadiza e arisca. (Ulloa2).

2.4.9. Antropónimos

2527 **Adán** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Frieiresa. (RBG-I).

2528 **Andrea** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2529 **Antón** *s.m.* Nome de boi. RBG-I di que se trata dun semental da raza Caldelá. RAG non identifica a raza nin localiza a orixe deste nome. (RAG, RBG-I).

2530 **Boullón** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Limiá. (RBG-I).

2531 **Camacho** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2532 **Carlota** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla deste nome se basea, no caso de RAG, en que a vaca naceu o mesmo día que Carlota, a filla de Carolina de Mónaco. No caso de Ulloa2, é unha simple transposición dun nome de muller. (RAG, Ulloa2).

2533 **Cipriana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2534 **Comba** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2535 **Crispina** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2536 **Chema** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2537 **Chicholina** *s.f.* Nome de vaca. O nome rememora a actriz porno italiana. (Dozón).
2538 **Chola** *s.f.* Nome de vaca. *Chola* podería ser hipocorístico de Francisca ou Enriqueta. (RAG).
2539 **Chona** *s.f.* Nome de vaca. *Chona* é hipocorístico de Asunción ou de Francisca. (RAG).
2540 **Chuco** *s.m.* Nome de boi. *Chuco* é hipocorístico de Francisco. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Frieiresa. (RBG-I).
2541 **Dalia** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).
2542 **Dani** *s.f.* Nome de vaca. *Dani* é hipocorístico moderno de Daniel. (RAG).
2543 **Dori** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).
2544 **Dorinda** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2545 **Dúrcal** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome levábao unha vaca contra 1970 lembrando a cantante española, Rocío Dúrcal. (Ctel1).
2546 **Elsa** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2547 **Elvira** *s.f.* Nome de vaca. É o nome da segunda vaca galega á que se lle diagnosticou a encefalopatía esponxiforme bovina o 7.12.2000. Ver Parrula /2683. Realmente, foi a primeira vaca galega enferma do mal das vacas tolas, polo menos da que se teña constancia. Foi sacrificada de urxencia na propia explotación o 31 de agosto de 2000, con síntomas típicos da enfermidade, pero por defectos na recollida e conservación das mostras non foi posible a confirmación do caso ata tres meses despois. (Coris).
2548 **Enni** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca frisoa, de Castroverde, primeira clasificada na Semana Verde de Silleda en 1997. Supoñemos que é o nome traído do estranxeiro por ela ou pola súa nai. (PLu:11.11.1997).
2549 **Facunda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).
2550 **Federico** *s.f.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. (RBG-I).
2551 **Filomena** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2552 **Fina** *s.f.* Nome de vaca. *Fina* é hipocorístico de Xosefina ou Delfina. (Ulloa2).
2553 **Fiz** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. (RBG-I).
2554 **Fredo** *s.m.* Nome de boi. *Fredo* é hipocorístico de Alfredo. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Frieiresa. (RBG-I).
2555 **Gil** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Frieiresa. (RBG-I).
2556 **Heidi** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2557 **Iris** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).
2558 **Ivana** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).
2559 **Karina** *s.f.* Nome de vaca. (Arzúa5).
2560 **Kiko** *s.m.* Nome de boi. *Kiko*, mellor Quico, é hipocorístico de Francisco, Enrique, Federico e Xoaquín. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Frieiresa. (RBG-I).
2561 **Laura** *s.f.* Nome de vaca. (Arzúa5).
2562 **Liboria** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte xustifica a escolla do nome nun popular presentador galego de televisión, Liborio. (RAG).
2563 **Lidia** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).
2564 **Lina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que esta vaca era filla dun boi chamado *Tino* e irmá xemelga doutra chamada *Tina*. (RAG).
2565 **Lito** *s.m.* Nome de boi. *Lito* é hipocorístico de Gonzalo. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Limiá. (RBG-I).
2566 **Lorena** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2567 **Luca** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2568 **Lucía** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).
2569 **Lulú** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2570 **Macarena** *s.f.* Nome de vaca. (Gud7, RAG, Ulloa2).
2571 **Madanela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).
2572 **Maira** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).
2573 **Manuela** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2574 **Mao** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. Clasificámolo aquí, pensando en Mao-Ze-Dong, aínda que é posible que o nome se debese ó río Mao. (RBG-I).
2575 **Marcela** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).
2576 **Margarita** *s.f.* Nome de vaca. A vaca que cita La Voz de Galicia era un exemplar de raza Cachena, criada en Teixeiro. (Arzúa5, RAG, Ulloa2, VG2:21.08.1999).
2577 **María** *s.f.* Nome de vaca. RAG di que o caso que cita xustificase no nome da anterior propietaria. (RAG, Ulloa2).
2578 **Mariana** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).
2579 **Mariña** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2580 **Marlén** *s.f.* Nome de vaca. Supoñemos que evoca a actriz Marlene Dietricht. (RAG).
2581 **Marta** *s.f.* Nome de vaca. *Unha vaca trouxo 5 crías, un é macho e xa fai cría, quen os criará? A Marta non terá costre para tantos.* (Carte3, RAG).
2582 **Martiño** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Limiá. (RBG-I).
2583 **Miranda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte fai vi-lo nome do da muller de Julio Iglesias, Miranda Rijnsburger. (Ulloa2).
2584 **Nicolás** *s.m.* Nome de boi. (RAG).
2585 **Ortega** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade

que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2586 **Pachín** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2587 **Pamela** *s.f.* Nome de vaca que evoca a actriz Pamela Anderson. (RAG, Ulloa2).

2588 **Pantoxa** *s.f.* Nome de vaca. Aínda que pantoxa é adxectivo que no Courel significa "pasmado, que se pasma de todo" probablemente alude á cantante Isabel Pantoja. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).

2589 **Paola** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte xustifica a escolla deste nome na lembranza da actriz así chamada na telenovela *La usurpadora*. (RAG).

2590 **Patricia** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2591 **Paulino** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Vianesa. (RBG-I).

2592 **Pepa** *s.f.* Nome de vaca. RAG recolle variantes deste nome: *Pepa Vella*, *Pepa Nova*. (RAG).

2593 **Peruca** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2594 **Piruca** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2595 **Pitusa** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome se xustifica na lembranza deste personaxe da serie de televisión *Mareas vivas*. (RAG, Ulloa2).

2596 **Rebeca** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2597 **Rita** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome corresponde a un exemplar de raza cachena de Teixeiro. (VG2:21.08.1999).

2598 **Rocío** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca que tiña moito ubre. Fai alusión á cantante Rocío Jurado. (Dozón).

2599 **Rosa** *s.f.* Nome de vaca. (RAG, Ulloa2).

2600 **Sandina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2601 **Silvia** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2602 **Tino** *s.m.* Nome de boi. Hipocorístico de Diamantino, Faustino, Florentino, Ernestino e outros. (RAG).

2603 **Xiana** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2604 **Xusto** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. (RBG-I).

2.4.10. Denominacións derivadas do anterior propietario

2605 **Antonia** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado do nome do seu anterior propietario, Antonio. (RAG).

2606 **Asunción** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é o nome da súa anterior propietaria. (RAG).

2607 **Belinda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome é o da súa anterior propietaria. (RAG).

2608 **Calexa** *s.f.* Nome de vaca. RBG-I engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. E Dozón recólleo tamén como nome dunha vaca frisoa que llo debe a que o dono corría como *O Calexo* por vivir ó pé dun cano de auga. (Dozón, RBG-I).

2609 **Canaria** *s.f.* Nome de vaca. Dozón explícanos que o nome da vaca débese a que o anterior propietario corría como *O Canario*. Ulloa2, en cambio, explícao coma vaca oriúnda de Canarias, que nos parece menos verosímil. (Dozón, Ulloa2).

2610 **Carruxa** *s.f.* Nome de vaca. Este nome -di a nosa fonte - motívao o nome da anterior propietaria. (RAG).

2611 **Couceira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que se debe ó nome do seu anterior propietario, un tal *Couceiro*. (RAG).

2612 **Farruca** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado do nome do seu anterior propietario, *Farruco*. (RAG).

2613 **Ferrita** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado do nome do seu anterior propietario, un tal Ferro. (RAG).

2614 **Fondoralla** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado do alcume do seu anterior propietario, ó que chamaban *Fondorallo*. (RAG).

2615 **Laxa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que o nome deriva do seu anterior propietario, chamado Laxe. (RAG).

2616 **Lolita** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que o nome procede da súa anterior propietaria, Lola. (RAG).

2617 **Maralla** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica no do seu anterior propietario: esta vaca fora da casa do Marallo. (RAG).

2618 **Maruxa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica no nome da súa anterior propietaria. (RAG).

2619 **Paquiña** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe a que o anterior propietario se chamaba Paco. (RAG).

2620 **Porqueira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que o nome se debe a que o seu anterior propietario era coñecido coma *O Porqueiro*. (RAG).

2621 **Tesa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte di que a escolla do nome se xustifica no alcume do seu anterior propietario, *O Teso*. (RAG).

2622 **De Ferro** *loc. s.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado directamente do nome do seu anterior propietario. (RAG).
2623 **Si *Dios quer** *loc. s.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado do alcume que identificaba ó seu anterior propietario, probablemente porque repetía moito este inciso. (RAG).

2.4.11. Zoónimos

2624 **Bubela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte non dá motivación ningunha para a escolla deste nome. (Ulloa2).
2625 **Cadelo** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).
2626 **Capón** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. Resulta sorprendente que un semental selecto se chame precisamente capón e as explicacións poden ser varias pero non temos probas de cal é a verdadeira neste caso. (RBG-I).
2627 **Caracol** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que este nome corresponde a un macho do rabaño de raza cachena que tiña un gandeiro de Teixeiro. (VG2:21.08.1999).
2628 **Cutovía** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2629 **Delfín** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Frieiresa. (RBG-I).
2630 **Gata** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2631 **Gato** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. (RBG-I).
2632 **Mico I** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Vianesa. (RBG-I).
2633 **Pantera** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2634 **Pega** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte xustifica este nome no recurso a nomes de aves para bautiza-las vacas, sen máis motivación. Descoñecemos se a vaca en cuestión era unha vaca pinta, o que explicaría a comparación. (Ulloa2).
2635 **Pica** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).
2636 **Pichón** *s.m.* Nome de boi. (RAG).
2637 **Pichona** *s.f.* Nome de vaca. Dos catro casos que RAG detecta con este nome e que verosimilmente aluden a esa ave, un deles certamente era o da filla dunha vaca de nome *Picha* (RAG). (RAG).
2638 **Rola** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2639 **Rula** *s.f.* Nome de vaca. (RAG, Ulloa2).
2640 **Sardiña** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).
2641 **Xílgaro** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. (RBG-I).

2.4.12. Fitónimos

2642 **Abeleda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que era nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).
2643 **Camelia** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).
2644 **Carabel** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).
2645 **Cardo** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).
2646 **Figueira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome que se lle pon a algunhas vacas que teñen espullas. Ve-lo apart. 8.5.12. *Papilomatose*. *As outras somentes lle respondían sin facerlle moito caso: -¡Bo!- E seguían pra diante. Solo a Figueira, que se chamaba así porque de pequeniña tivera moitas verrugas i era medio retrasada mental, lle prestóu unha certa atención*. (XMC:28). En Benquerencia (Lugo) din que as espullas cúranse chamándolle *Figueira* á vaca que as ten, pero que, se se lle chama por outro nome, volven saír. Lémbrese que un dos remedios populares contra as espullas é mollalas co leite que deitan os figos aínda verdes. A figueira aparece na literatura oral galega como árbore maldita. Disque a súa sombra, coma a da nogueira, produce febre gripal: *Baixo da figueira andan as maleitas* (VLLM:2,452,25). Tamén di a tradición galega que foi nunha figueira onde se aganou Xudas, o arrepentido traidor (se ben a tradición bíblica non especifica tal cousa: Mt 27,3-10; Feit 1,18-19). A figueira, si, é árbore traidora, porque os seus froitos máis apetecidos están nas pólas que, aparentemente sólidas, esgallan en calquera momento e téñense levado moitos tombos por cousa dos figos. Para comprende-la relación das espullas coa figueira, temos que recorrer a un dos significados da palabra *ficus*

en latín *condiloma*, espulla en forma de figo, posiblemente referida a un hemorroide. Pero non hai que esquencer que tradicionalmente na eira de toda casa galega hai unha figueira. E non falta quen vexa nisto unha rememoración da tradición de que no paraíso había figueiras e que con follas de figueira se cubriron Adán e Eva, cando se decataron de que estaban en coiro. Posiblemente de aí veña a *figa* e o *figón*. (Ben., Ctel1, RAG, Ulloa2, XMC).

2647 **Fraga** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2648 **Maceira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2649 **Manzana** *s.f.* Nome de vaca. (Gud4).

2650 **Noceda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2651 **Nogueira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome un dos nomes de plantas que se lle poñen convencionalmente ás vacas. (Ctel1, Ulloa2, Velle1).

2652 **Oliva** *s.f.* Nome de vaca. (Ctel1, Hermi., Tras.).

2653 **Pino** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. (RBG-I).

2654 **Toxo** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2655 **Xarxa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2656 **Xunco** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2.4.13. Nomes herdados do pai

2657 **Camareta** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome se debe a que o pai se chamaba *Camarón*. (RAG).

2658 **Chanela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado do nome do pai, *Chanel*. (RAG).

2659 **Diana** *s.f.* Nome de vaca. A RAG cita o caso dunha vaca así chamada polo nome do pai, *Dilán*. (Ctel6, RAG, Ulloa2).

2660 **Gabinola** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome derivado do nome da súa nai, *Gabina*. (RAG).

2661 **Landra** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica na herdanza do nome do pai, *Landro*. (RAG).

2662 **Mecana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica por herdanza do nome do pai, *Mecano*. (RAG).

2663 **Nicola** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte xustifica o nome na herdanza do do pai, un semental chamado *Nicolás*. (RAG).

2664 **Tina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que o nome lle vén do do pai, *Tino*. (RAG).

2665 **Tixola** *s.f.* Nome dunha xovenca, de raza pinta, de Cardelle, aldea de Nogueira, Dozón. O nome foi herdado da nai. (Dozón).

2666 **Viola** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome recolle a herdanza do do pai, *Violo*. (RAG).

2.4.14. Denominacións por outras motivacións

2667 **Apis** *s.m.* Nome de boi. Probablemente aquí andou a man dunha persoa coñecedora da mitoloxía exipcia e da importancia nela do deus Apis, que se representaba ou como boi ou como home con cabeza de boi, e cun crecente lunar entre a corna. (RAG).

2668 **Balboa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. A motivación pode se-lo apelido do anterior propietario ou o lugar de onde procede o animal. (RBG-I).

2669 **Biona** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla deste nome se motiva, por raro que pareza, nunha coñecida marca de penso (Piensos *Biona*). (Arzúa5).

2670 **Bos** *s.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca de raza frisoa. Foi a primeira vaca, que saibamos, que ganou a Compostela, o 29.10.1999. A noticia non dá a orixe desta vaca que fixo co seu dono o camiño de Santiago para gaña-lo xubileo. (VG2:30.10.1999).

2671 **Cachorra** *s.f.* Nome de vaca. Os informantes dan diferentes explicacións da orixe deste nome: o apelativo que se lle daba cando era nova e que conserva xa de adulta (Ulloa2); o tamaño grande do exemplar (RAG); os cornos grandes e abertos, que lle dan aspecto dun animal forte (Arzúa5); ou o uso de denominacións xa antigas para nomea-las vacas que xa perderon o seu significado directo (Arzúa5, RAG). Tamén temos

recollido o nome de *Cachorro* para denominar un boi (RAG). (Arzúa5, Gud5, Hermi., Morei., RAG, San., SCHU, Ulloa2, XRMF4).

2672 **Feiranta** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte alude ó feito de que fora comprada na feira. (Ulloa2).

2673 **Ferreira** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a motivación está na cor vermella da capa do animal (RAG) ou na localidade de orixe ou feira onde foi comprada (Ulloa2). (RAG, Ulloa2).

2674 **Granada** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome se xustifica na cor da capa (RAG, XRMF4) ou na orixe xeográfica do animal (Ulloa2). (RAG, Ulloa2, XRMF4).

2675 **Horus** *s.m.* Nome de boi. Ver comentario a Apis /2667. (RAG).

2676 **Iza** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte xustifica o nome en que era o que viña na documentación de orixe da vaca. (Arzúa5).

2677 **Kenia** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome que se lle puxo a unha vaca en lembranza dun irmán que estaba traballando emigrado en Kenia. (Ctel1).

2678 **Larda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. Ver tamén Lardeira /2679. (RBG-I).

2679 **Lardeira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. Supoñemos que alude á tradición vianesa da Lardeira. PA define a *lardeira* como "espantajo que en tierras de Viana del Bollo, suelen hacer los mozos, sigilosamente, el jueves de comadres: lo visten con ropas robadas a una moza y la colocan en un sitio visible, pero casi inaccesible, si antes las jóvenes no lo descubren y queman. Como ocurre con el Compadre, hasta terminar el carnaval, unos y otras van todas las tardes, en medio de gran algarabía, al sitio en que está la Lardeira o el Compadre y allí bailan. Sirven de pretexto a no pocas bromas" e sitúao en terras de Viana. (RBG-I).

2680 **León** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Vianesa. (RBG-I).

2681 **Mermeno** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que este nome podería aludir á cor da capa: no N. de Portugal hai *mermelho* por *vermelho* (Esposende). Pero AO2 di: "Dícese del que es pequeño y ruin, hablando de personas o animales". (Mour1, Xeve).

2682 **Mimosa** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que a escolla do nome se xustifica na loanza do carácter do animal (RAG) ou no nome da árbore así chamada (Arzúa5,Ulloa2). (Arzúa5, RAG, Ulloa2).

2683 **Parrula** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes motivan este nome no nome da ave, en ser boa vaca, en ter dúas ou máis cores ou en simple moda. Ver Elvira /2547. Este era o nome da primeira vaca galega á que se lle diagnosticou a enfermidade das vacas tolas, o 22 de novembro de 2000, en Carballedo (Lugo). Tratábase dunha vaca frisoa, de cinco anos de idade, que morrera na explotación case un mes antes. (Arzúa5, Carb-L3, Parga, RAG, Ulloa2).

2684 **Pati** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este era o nome que viña coa documentación de orixe. (Arzúa5).

2685 **Pinocha** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a escolla do nome se xustifica na lembranza do afamado personaxe *Pinocchio*, creado por Carlo Lorenzini (Collodi) en 1883. (RAG).

2686 **Pintomina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que este nome é unha invención para denominar unha vaca pinta cando na corte xa existía outra vaca co nome de *Pinta*. (RAG).

2687 **Rabañesa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que a vaca fora comprada dun rabaño que vivía ceibo no monte. (Ulloa2).

2688 **Rufa** *s.f.* Nome de vaca. As nosas fontes engaden que este nome se debe a que a vaca "é mala" (RAG) ou porque é forte e robusta (Ulloa2). Ver tamén Rufo /2480. (RAG, Ulloa2).

2689 **Tana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que o nome xa lle viña na documentación de orixe. (Arzúa5).

2690 **Tirana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte explica o nome como combinación da forma verbal *tira* e o nome de muller *Ana*, e conta que a tal Ana axudou a tirar no nacemento desta vaca. (RAG).

2691 **Uldra** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que o nome xa lle viña na documentación de orixe. (Arzúa5).

2692 **Zeta** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que o nome xa lle viña na documentación de orixe. (Arzúa5).

2.4.15. Denominacións por motivacións descoñecidas

2693 **Alba** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2694 **Archival** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2695 **Arroba** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2696 **Buxana** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. Canto á motivación non podemos pensar, polo tanto, no adx. *buxán* (baleiro), senón máis ben nun apelido de anterior propietario ou no topónimo de procedencia. (RBG-I).

2697 **Cabaleira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2698 **Cacha** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2699 **Cacharela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte non dá motivación ningunha para a escolla deste nome. (RAG).

2700 **Cacho** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. Neste caso a raza podería se-la orixe do nome. (RBG-I).

2701 **Cadullo** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2702 **Cafre** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2703 **Caixida** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).

2704 **Calda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2705 **Calza** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. Canto á motivación, é sabido que este nome nos touros de lida e nos cabalos alude á cor das patas, máis clara ou máis escura có resto do corpo. (RBG-I).

2706 **Camarón** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte non dá explicación ningunha. (RAG).

2707 **Cambela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).

2708 **Campano** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2709 **Campelo** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2710 **Canardo** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2711 **Cancelo** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2712 **Candelario** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte non dá explicación ningunha. (RAG).

2713 **Candil** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2714 **Canella** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2715 **Canosa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2716 **Canteiro** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2717 **Cañada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2718 **Carabina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2719 **Cardón** *s.m.* Nome de boi. *¡Outra volta ainda mais! -Volve, Gallardo; tente ó rego, Cardón*. (JIR:8).

2720 **Carioca** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2721 **Carniza** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2722 **Carola** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte non dá motivación ningunha. (RAG).

2723 **Carolina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte non dá motivación ningunha. (RAG).

2724 **Caroucha** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2725 **Carril** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2726 **Carrote** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2727 **Casiña** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2728 **Castela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade

que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).

2729 **Catuxa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte non ofrece ningún motivo para este nome. (RAG).

2730 **Caxato** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Cachena. (RBG-I).

2731 **Cerda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Cachena. (RBG-I).

2732 **Cerra** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2733 **Clara** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2734 **Coleta** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).

2735 **Corala** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2736 **Corga** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2737 **Corneda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2738 **Cornetas** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que ignora se se debe ó tamaño ou feitura dos cornos ou ó feito de que o animal berrara moito. (Ulloa2).

2739 **Couzada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).

2740 **Cubana** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2741 **Chata** *s.f.* Nome de vaca. (Ois).

2742 **Chata** *s.f.* Nome de vaca. (Gud4).

2743 **Chato** *s.m.* Nome de boi. (Ois).

2744 **Chinesa** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2745 **Chunga** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2746 **Dilán** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2747 **Edrada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2748 **Encomenda** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).

2749 **Entona** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2750 **Erosa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. Hai un lugar de nome Erosa en Chantada pero queda fóra do territorio natural desta raza. (RBG-I).

2751 **Ferro** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. (RBG-I).

2752 **Ferveda** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Frieiresa. (RBG-I).

2753 **Flebis** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2754 **Fornada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2755 **Fornela** *s.f.* Nome de vaca. RBG-I recólleo como dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (Ancares2, RBG-I).

2756 **Forxa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2757 **Fragarella** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2758 **Fragavella** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que este era o nome do pai do boi semental de raza rubia galega, de nome *Marques II* do catálogo de ACRUGA. (ACRUGA).

2759 **Freila** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2760 **Fresa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2761 **Frisa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2762 **Galindo** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Vianesa. (RBG-I).

2763 **Garabita** *s.f.* Nome de vaca. O mesmo informante recólleo tamén como adxectivo para designar unha vaca cos cornos moi xuntos. (Tras.).

2764 **Gravita** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte non dá motivación ningunha para a escolla do nome. (RAG).

2765 **Hermanna 29** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome da raza frisoa, clasificouse en 1999 como a mellor vaca leiteira de España. Trátase dunha vaca de raza frisoa, de seis anos de idade, e que pertencía á granxa Fieiteira, de Xanceda, Mesía (A Coruña). A súa produción, nunha lactación de 305 días, foi de 14.785 litros cun 3,9% de graxa e 3,72% de proteína. (VG2:8.09.1999).

2766 **Inge** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte non dá motivación ningunha para este nome. (RAG).

2767 **Inglesa** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2768 **Iraquí** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2769 **James Salena** *s.f.* Nome da vaca criada na Granxa Gaioso-Castro, de Castro de Rei (Lugo), que obtivo entre outras mil o premio de mellor vaca frisoa de España, con 13.850 kg de leite (4% de graxa e 3,26% de proteína) por lactación en marzo do 2004. (PLu:7.03.2004).

2770 **Lamara** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2771 **Lameira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade

que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2772 **Langula** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2773 **Lastra** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2774 **Linfa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. Sospeitamos que se trate dun erro mecanográfico por Linda. (RBG-I).

2775 **Liolla** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2776 **Machote** *s.f.* Nome de boi. (RAG).

2777 **Mecano** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2778 **Migallas** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2779 **Modelo** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2780 **Modina** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que o nome era o que lle viña na documentación de orixe. (Arzúa5).

2781 **Montaña** *s.m.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome propio que se lles dá a algunhas vacas en Hermisende. (Gud4, Hermi.).

2782 **Moreira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).

2783 **Morralla** *s.f.* Nome de vaca. Estraño nome para unha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).

2784 **Morriña** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2785 **Morrión** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. Resulta estraño que o nome de vermes perniciosos para as plantas se aplique a bovinos selectos; a non ser que aluda á armadura da parte superior da cabeza. (RBG-I).

2786 **Morro** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. Se temos en conta que esta raza ten a capa escura pero cunha orla branco-prateada arredor do fociño, quizais nos acheguemos á motivación deste nome. (RBG-I).

2787 **Muiñeira** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2788 **Muquena** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2789 **Navalla** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2791 **Ouro** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2792 **Ouviga** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Limiá. (RBG-I).

2793 **Pacio** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2794 **Pacha** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2795 **Pachanga** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2796 **Pacholo** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2797 **Pampín** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2798 **Parra** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2799 **Peiteada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2800 **Pelegrín** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2801 **Pirata** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2802 **Pitufo** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2803 **Porto** *s.m.* Nome de boi. RBG-I recólleo como nome dun semental da raza Vianesa. (RAG, RBG-I).

2804 **Prado** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Vianesa. (RBG-I).

2805 **Proa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2806 **Quintela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. A motivación podería ser un topónimo ou o apelido do anterior dono. (RBG-I).

2807 **Rebola** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2808 **Rego** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome ddun semental da raza Limiá. (RBG-I).

2809 **Ribela** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2810 **Robeza** *s.f.* Nome de vaca. (Ancares2).

2811 **Roza** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2812 **Rura** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2813 **Señorita** *s.f.* Nome de vaca. (Ulloa2).

2814 **Silva** *s.f.* Nome de vaca. (Arzúa5).

2815 **Soa** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2816 **Tapada** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2817 **Tibetano** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Frieiresa. (RBG-I).

2818 **Tila** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2819 **Toura** *s.f.* Nome de vaca. *Apuntamos 'Cordera' como o único nome de animal doméstico, porque 'Toura', nome por antonomasia das vacas nesta bisbarra, non o consideramos como tal, xa que o macho da vaca que antano se criaba nas casas para exerce-la función de semental é denominado comunmente 'boi' en toda esta zona xeográfica. Tanto dende unha perspectiva*

diacrónica como sincrónica pódese dicir que 'Toura' é o nome por excelencia, o máis antigo e o máis empregado. Aínda que o nome de 'toura' se aplica á vaca nova que aínda non empreñou, adóitase poñer este nome ás vacas fortes e grandes, como o seu referente macho. Actualmente, ó igual que pasa coa maioría dos nomes antigos das vacas, a motivación dista moito da descrita, e puidemos atopar vacas máis ben pequeneiras con este nome; o que si constatamos é que resulta moi raro atopalo individualizando unha vaca 'pinta', segue sendo practicamente exclusivo das vacas de raza rubia galega e dos cruces destas coas alóctonas (Ulloa2). *Isto pasou no ano en que a Toura* (unha vaca) *morreu; estaba enferma cando Antón volveu...* (Loures.). (Arzúa4, Arzúa5, Loures., Morei., RAG, Ulloa2).

2820 **Tuna** *s.f.* Nome de vaca. (RAG).

2821 **Vela** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2822 **Viga** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Vianesa. (RBG-I).

2823 **Vilarella** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Frieiresa. (RBG-I).

2824 **Violo** *s.m.* Nome de boi. (RAG).

2825 **Viudeira** *s.f.* Nome de vaca. A nosa fonte engade que é nome dunha vaca seleccionada de raza Caldelá. (RBG-I).

2826 **Xarrio** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. (RBG-I).

2827 **Xerro** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. (RBG-I).

2828 **Xute** *s.m.* Nome de boi. A nosa fonte engade que é nome dun semental da raza Caldelá. (RBG-I).

2829 **Zamouco** *s.m.* Nome de boi. (Tras.).

Capítulo 3. CARACTERÍSTICAS

Capítulo 3. CARACTERÍSTICAS

Recollemos neste capítulo os aspectos externos do gando, as aptitudes e comportamentos que poidan ter, con razón obxectiva ou sen ela, unha influencia positiva ou negativa nas diferentes utilidades do gando e, como consecuencia, na súa valoración económica na feira. Mesmo incluímos tamén un terceiro grupo de características, que denominamos neutras, e que parecen non modificar en ningún sentido nin a produción nin o prezo do gando, aínda que o gandeiro parece telas presentes.

Facer unha clasificación deste tipo resulta, como era de esperar, moi discutible. Na maioría dos casos é evidente que a presenza no animal desta ou daquela característica influirá positiva ou negativamente e, polo tanto, comporta un maior ou menor aprecio polo exemplar que a posúe. Pero noutros casos esta valoración é moi subxectiva e a súa posible influencia dependerá moito do que se lle pida ó gando. Por tal motivo, intentamos nestes casos segui-las "apreciacións" do informante sen entrar en valoracións pola nosa parte.

3.1. Características positivas

Incluímos a continuación as características do gando que aumentan o seu valor, teña isto o seu reflexo no prezo na feira ou tan só na apreciación que fai o dono: boas calidades externas que lle dean unha boa presenza; boa produción de leite, carne, crías (aptitude maternal) etc.; ou fortaleza e experiencia para desenvolver ben o seu traballo no carro ou no arado.

Falando de gando dócil que non foxe ó traballo, presta le-los versos que Crecente Vega titulou *Aquela vaca marela* (16.1.).

3.1.1. Gando grande e ben feito

2830 **adramán** *s.m.* Vaca grande. (Ced).

2831 **alarbe** *s.m.* Animal grande e groso que precisa moita comida. Aplícase tamén ás persoas. (ERG).

2832 **cachorra 4** *s.f.* Vaca grande e pousona. (Cab., Cal., Ced., Com1, Feás-A, Gui., Ped1, Poulo, Ram., Vala., Vil., Vviño. ILG:62 (C:21, LU:10, OU:9, PO:21, GExt.:1)).

2833 **gordor** *s.m.* Abundancia de carnes ou corpulencia. A nosa fonte define como "Exceso de carnes o corpulencia en las personas o animales" pero coidamos que, se na xente pode ser excesiva, nos animais, non. (ERG).

2834 **lustre** *s.m.* Gando gordo e de pelo fino e brillante. (VGR).

2835 ***toro formoso** *loc. s.* Sol. Úsase nas adiviñas. (PM:020).

2836 **acachorrada** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca con aspecto de toro". Ver CACHORRA 4 /2832. (Gud5, Gud7).

2837 **acanalado** *adx.* [Lombo] dos animais gordos que deixa unha canle ó longo do espiñazo. (ERG).

2838 **anavarrado** *adx.* [Animal] ancho de lombo. (Piquín).

2839 **apacighuada** *adx.* [Vaca] grande e pousona. A nosa fonte escribe *apacijuada*. (Morga.).
2840 **atrapada** *adx.* Ver ATROPADA /2841. (Ped1).
2841 **atropada** *adx.* [Vaca] de tamaño e cualidades xustas. (Burón, Suarna).
2842 **bazona** *adx.* [Vaca] grande e pousona. Tamén se di que *ten moito bazo* unha persoa pousona que non se inquieta por nada. (Codeso.).
2843 **boa** *adx.* [Vaca] grande e lenta. (Callo., Com1, Guil2, Lous.).
2844 **boxuda** *adx.* [Vaca] panzuda, que ten moito ventre. *Boxo* era, para Sarmiento, a panza da pipa e posteriormente outros lexicógrafos recólleno co significado xeral de panza ou ventre. Do mesmo xeito, *boxar* é botar panza. (VLLM).
2845 **cachacenta** *adx.* Ver CACHORRA 4 /2832. (Mondo2).
2846 **cachazuda** *adx.* Ver CACHORRA 4/2832. (Xudán1).
2847 **cacholenta** *adx.* Ver CACHORRA 4 /2832. (Burela1).
2848 **cachorrenta** *adx.* Ver CACHORRA 4 /2832. (Ced.).
2849 **calmosa 2** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Cer., Noal).
2850 **calmuda** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Noal).
2851 **cincheiro 2** *adx.* [Animal] groso, ancho. *Iste boi é moi cincheiro*. (Xun2).
2852 **criado** *adx.* [Animal] de labor gordo e ben mantido. (ERG).
2853 **charoleta** *adx.* [Vaca] moi gorda. Sen que poidamos establecer máis relación cá similitude, lembramos que a *charolesa* é unha raza vacúa de aptitude cárnica e que os becerros desta raza destacan polo notable desenvolvemento muscular do terzo posterior. (San.).
2854 **descansada 2** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Piñe.).
2855 **despaciosa** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Alla2).
2856 **encostelada** *adx.* [Vaca] ancha de costelas e ben formada. (Piquín).
2857 **enchocada** *adx.* [Res] gallarda na súa parte dianteira por ser esta onde se lle coloca a choca ou chocallo. (Piquín).
2858 **esfaragaiada** *adx.* [Vaca] boa. Dise das vacas e tamén das vaqueiras. (FA).
2859 **esforxado** *adx.* [Animal] ancho. (Piquín).
2860 **feiranta** *adx.* [Vaca] que se merca na feira. (Toba).
2861 **feireira** *adx.* [Vaca] que ten bo aspecto e que ten boa venda na feira. (Común).
2862 **feirieira** *adx.* Ver FEIREIRA /2861. (Piquín).
2863 **fina 1** *adx.* [Vaca] ben feita. (Común).
2864 **fito** *adx.* [Pelo] lustroso, que teñen os animais gordos e ben coidados. VGR localízao en Molinaseca e outros concellos leoneses. (VGR).
2865 **formal** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Cur.).
2866 **fría** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Veste.).
2867 **gallardo** *adx.* [Boi] lucido e de bo aspecto. (VLLM).
2868 **garrida 2** *adx.* [Vaca] ben feita. Tamén se usa como alcume en Redondela. (Redo.).
2869 **ghrande** *adx.* Ver GRANDE 1 /2871. A nosa fonte escribe *jrande*. (Borre.).
2870 **graído** *adx.* [Neno, animal ou planta] que medrou e está desenvolvido. (ERG).
2871 **grande 1** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (PSil).
2872 **guapa** *adx.* [Vaca] ben feita. VLLM recolle *Guapes son les vaques* como desdén feminino a un piropo. (VLLM).
2873 **lanceiro** *adx.* [Animal] lanzal. Tamén se aplica a persoas. (Piquín).
2874 **linda 1** *adx.* [Vaca] ben feita e de bo aspecto. (Com1).
2875 **magüeto** *adx.* [Boi ou tenreiro] gordo. Cun senso familiar e despectivo aplícase por veces á xente. (VGR).
2876 **navarro** *adx.* [Animal] redondo e pequeno. (Piquín).
2877 **pachorra** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Anca, Cam4, Carr-C, Cervá1, Cervá2, Crendes, Figue2, Laxe, Leir-A, Lendo, Medín, Neda, Negra., Peroxa, Pravio, Rendal, Rib-E, Sende., Vcova., Verdu., Vrei.).
2878 **pachorrana** *adx.* Ver PACHORRA /2877. (Cer.).
2879 **pachorreira** *adx.* Ver PACHORRA /2877. (Abe., Lago).
2880 **pachorrenta** *adx.* Ver PACHORRA /2877. (Bar-Co., CTui, Carr-C, Cunt2, Gaxate, Meir., Ribe2, Sofán).
2881 **pachurreira** *adx.* Ver PACHORRA /2877. (Grixoa).
2882 **paicenciosa** *adx.* [Vaca] grande e pousona. O noso informante escribe claramente *paicenciosa*, voz que, de resultar auténtica, sería resultado dunha metátese vocálica, fuxindo do ditongo romance *ie*, xa que viría do latín *patientia*. (Abadín).
2883 **pesada** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Aranga, Bas., Boi., Buga-N, Burgo, Caban., Cadrón, Callo., Ces., Conxo, Couce., Couso, Cruído, Cur., Eixo, Fol-LE, Oroso1, Pade., Rib-S, Ribe1, Taboa., Valad1).
2884 **pousada** *adx.* [Vaca] grande e pousona. A nosa fonte en Pal. recolle *vaca moi pousada*. (Corb., Lava., Pal., Ribe2).
2885 **pousadeira** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Carr-G).
2886 **rombón** *adx.* [Boi] limpo e ben presentado. (VLLM).
2887 **tapada** *adx.* [Vaca] gorda, que ten os ósos tapados pola carne. (Grixó).
2888 **testa 2** *adx.* [Vaca] retesada, de bo aspecto da pel. *Casi todo pasou pola miña man. Pois ensumironse dúas cargas de trigo; tres de centeo; seis de cebada pra as bestas; seis moios antre viño e sidra; de manteiga, mel, pimenta e cebolas, quince soldos; unha vaca testa, catro porcos, seis carneiros; antre bacuriños, sanganos e galiñas, quince pezas* (ALF2:59). (ALF2, VLLM).

2889 **tranquila** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Carbal., Fara.).
2890 **tuto** *adx.* [Animal] de carnes cheas, duro e ben feito. Aplícase tamén á xente, especialmente ó neno acabado de nacer. (Barcia).
2891 **vagareira** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Macei.).
2892 **xurdio** *adx.* [Gando] magnífico, óptimo. Ten valor superlativo e non admite os adverbios *moi, tan, máis* nin *menos*. *A vaca é xurdia*. (Ort2).
2893 **zamarro** *adx.* [Gando] gordo e disposto para a venda. Supoñémolo adxectivo. (VGR).
2894 **zampallona 1** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Cur1).
2895 **zoupona** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Ribad.).
2896 **de (moita) pachorra** *loc. adx.* [Vaca] grande e pousona. (Lestón, Sofán).
2897 ***buena cachorra** *loc. adx.* Ver CACHORRA 4 /2832. (Lucí).
2898 **estar de bo pelo** *loc. v.* Estar [un bovino] san e ben alimentado. (Parade.).
2899 **estar de bon pelo** *loc. v.* Ver ESTAR DE BO PELO /2898. (Parade.).
2900 **pórse de** + (adx.) + **pelo** *loc. v.* Modificarse o estado xeral do animal para ben (*...de bo pelo / de mellor pelo*) ou para mal (*...de mal pelo / de peor pelo*). Esta locución baséase na crenza de que a mellora no aspecto externo do animal indica unha mellora do seu estado de saúde. *Cando se encanica o tempo, o gado pon-se de mellor pelo*. '*Encanicar-se o dia' ou 'o tempo' é erguerse e mellora-lo tempo; poñer-se dereito como unha cana*. (Parade.:299).
2901 **ter pachorra** *loc. v.* Ser grande e pousona [unha vaca]. (Arca).

Boi feito fai o barbeito co suco dereito. (ERG:boi)
Boi feito, boa embelga de rego dreito. (VLLM:1,136)
Boi testo, boa embelga de rego dreito. (VLLM:1,136)
Boi fermoso non é pró traballo. (ERG:boi) [1]
Boi grande, are ou non are. (VLLM:1,134) [2]
O boi, grande, are ou non are. (ERG:boi)
Chocallo de prata e bois rombós son as boas señaes do labrador. (VLLM:1,139) [3]
Si queres ao boi gallardo, líndao de febreiro a maio. (VLLM:1,153) [4]
Si queres ao boi gallardo, lévao ao lameiro entre febreiro e maio. (VLLM:1,153) [5]
Testa vén a vaca, inda que fraca. (VLLM:1,153) [6]
Vaca barrigona e ovella corna nin a des nin a troques por outra. (VLLM:1,154) [7]
Vaca boxuda e ovella cornuda non a troques por ningunha. (VLLM:1,154) [8]
Vaca panzona, non a troques por outra. (VLLM:1,154) [9]
Vaca panzuda, non a troques por ningunha. (VLLM:1,154) [10]

Altas aradas
vacas raxadas,
toro formoso.
Adiviña moroso. [11]

Campo grande,
boi fermoso,
vaca preta,
can raiboso. [12]

Campo longo,
vacas muitas,
boi fermoso,
can raiboso. [13]

1 Gonzalo Correas explica este refrán dicindo que *también llaman buey hermoso al hombre de buena presencia, pero flojo, sin obras*.
2 Recólleo de A. Valenzuela en *Pontevedra agrícola*; engade que en sentido figurado cadra co cast. *Burro grande, ande o no ande*.
3 *Bois rombós* son bois gordos e fermosos, limpos e ben presentados (*alhajados*, di Llópiz); recólleo de Manuel González en Pelliceira (no linde de Navia de Suarna con Asturias).
4 Llópiz recólleo de A. Carracedo en Monterde (Lugo).
5 Llópiz recólleo de M. Bernárdez en Ancorada (Pontevedra).
6 Llópiz: *Tésta ve*; explica que *testa* é a vaca retesada, de bo aspecto da pel.
7 Llópiz: *dés*; explica que a primeira é boa nai e boa leiteira e a segunda dá boa la e é resistente ós cambios atmosféricos.
8 Llópiz di que o recolle en Sarria (L. Páramo), no *Falar de Lobeira* e en Xinzo, de Urbano Santana na rev. *Nós*. Non obstante, nós non encontramos este refrán en ningún dos tres nn. 89, 90, 93 en que este último escribe do Folklore de Sandiás.
9 Llópiz recóllea de Xaquín Lorenzo (*Refranes de Lobeira*).
10 Recólleo de U. Santana en Xinzo.
11 Nubes, estrelas, a lúa e mailo sol. PM:20.9.
12 O ceo, o sol, a noite e o vento. APG:132. No texto: *raivoso*.
13 O ceo, as estrelas, o sol e o vento. APG:131. No texto: *raivoso*.

3.1.2. Vaca que dá moito leite

2902 **anoia 1** *s.f.* Vaca que dá moito leite. (Castro., Conso).

2903 **rodopelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver RODOPÍO /2904. (LG).

2904 **rodopío** *s.m. Ú. m. en pl.* Remuíño que se lle forma na pelame a unha vaca. Disque indica que a vaca é unha boa vaca de leite. (LG).

2905 **vaca do leite 1** *s.comp.f.* Vaca que se cría para tirarlle o leite (normalmente seleccionada, suíza), a diferenza dunha *vaca do xugo*, para o traballo (rústica, marela). (Arzúa4).

2906 **cosco de leite** *loc. s.* Vaca que é moi boa leiteira. (LP).

2907 **aleitoadeira** *adx.* [Vaca] que dá moito leite. (LG).

2908 **de boa teta** *loc. adx.* [Vaca] que dá moito leite. (VLLM).

2909 **dar leite polos cornos 1** *loc. v.* Dar moito leite [unha vaca]. Tamén se pode usar en sentido irónico. En VMedo: *A vaca da veciña dá mais leite ca miña; e... herba nin vela, e leite polos cornos*. (Tioira2, VMedo).

2910 **ter boas fontes** *loc. v.* Ter *fontes* ben amplas, o que indica que [a vaca] vai ser de boa produción leiteira. Estas *fontes* son os orificios polos que entran as veas mamarias no abdome. (San.).

A boa vaca de leite na corte se vende. (VLLM:1,156) [14]

A vaca de boa teta véndese na estrebeira. (VLLM:1,156) [15]

A vaca de boa teta vese na estrebeira. (VLLM:1,157) [16]

A vaca vese na estrebeira. (VLLM:1,131) [17]

A vaca do vilán, se dá leite no inverno millor o dá no vran. (XMSH:143; ERG:vaca) [18]

A vaca do vilán, se dou leite no inverno, millor a dará no vran. (VS) [19]

A vaca leiteira, boa calda, boa manteiga. (VS) [20]

A vaca, para ser leiteira, ha de ter ubre larga, os cornos aguzados e os fuciños achatados. (UCA2:25) [21]

A vaca, para ser leiteira, ten que ter o teto longo, corna aguzada e fuciño mocho. (VLLM:1,132) [22]

A vaca, pra ser leiteira, ha de ter ubre larga, os cornos afilados e o fociño achatado. (VS) [23]

A vaca que moito leite ha de dar, pola boca lle ha de entrar. (VS) [24]

*¿*Eres leiteira de Arroxo? Xa, xa.* (UCA2:36)

*¿*Eres leiteiriña de Arroxo? Xa, xa te conozo.* (VLLM:1,142) [25]

Ha de ter, o que rico queira ser, a ovella, a abella i a pedra que trebella, unha muller goberneira e unha vaca manteigueira. (XTC4) [26]

---

[14] Llópiz explica que é porque a sona que colle de dar bo e moito leite fai que veñan moitos a querer mercala xa na corte; recólleo na Ponte do Arcediano, onda Melide, de A. G. Gayoso.

[15] Llópiz explica que a *estreveira* é o lugar da corte onde se moxen as vacas: alí a vaca que é boa encherá a canada do leite. Recólleo tamén de A. G. Gayoso, na Ponte do Arcediano.

[16] Llópiz di que é máis cabal este refrán que aqueloutro *A vaca vese na estreveira*: a calidade da vaca vese no momento de muxila, polo leite que dá. Recólleo tamén de A. G. Gayoso.

[17] Llópiz recólleo na Ponte do Arcediano (Melide).

[18] *A vaca do vilao se no inverno dá leite, melhor o dará no verao* (DMA:274).

[19] Un dos manuscritos de VS di *vaca da vilán, mellor o dará*. Ofrece tamén as seguintes equivalencias: P.: *Vaca de vilão se no inverno dá leite, melhor dá no verão* (Chaves); E.: *Las vacas del villano, si en el invierno dan leche, mejor la dan en el verano* (Correas).

[20] VS comenta que a voz '*calda*' *falta en nuestros diccionarios, y significa el pienso abundante que ha de darse a los animales para que produzcan*.

[21] No texto: *e o fuciños* (sic).

[22] Llópiz di que o recolle de Álvarez Giménez, pero no texto que manexamos nós, na páx. 9 di realmente *A vaca, pra ser leiteira, ha de ter ubre larga, os cornos afilados, e o fociño achatado*; esta variante ten tantos castelanismos que é sospeitosa de ser unha mala adaptación ó galego; a forma de Llópiz, proceda de onde proceda, parece máis enxebre.

[23] VS: *fociño achatado* nun manuscrito e *fuciño achatado* no mecanoescrito.

[24] VS: *ll'ha*. Ofrece as seguintes equivalencias castelás: *La leche viene del pienso, que no del hueso* (Sbarbi), *Quien quiera ordeñar la vaca sin alimentarla, sácale sangre y la mata* (Sbarbi).

[25] Llópiz: *d'Arroxo*; explica que as vacas de Arroxo teñen sona de leiteiras; nótese o castelanismo *eres* por *es*. Véxase nota a *De Arroxo, nin gado nin xente...* no apart. 3.2.1.: *Gando ruín, grande e mal feito*.

[26] No texto: *y-a pedra*. Tamén temos estas variantes: *Quen rico queira ser estas cousas ha de ter: ovella, abella e a pedra que terbella, égoa parideira e muller gobernadeira* (XTC4; XMSH:138: *ser queira, goberneira*); *O que rico quer ser, catro cousas ha de ter: cabras, ovellas, abellas e muiño onde moer* (XMSH:75), *Quen rico ser queira estas cousas ha de ter: ovella e abella, e a pedra que terbella, égoa parideira e muller goberneira* (MSH:195).

*Si queres que a vaca che dé *boa leite busca que che paira no coarto crecente.* (XTC1:116; XTC4; VS) [27]
Vaca agabada, leite nos cornos. (Gud5:114)
Vaca alabada, leite nos cornos. (XTC4)
Vaca gabada, leite nos cornos. (XTC4; Laza2; Xinzo2) [28]
Vacas gordas, leite nos cornos. (XTC4)
Vaca cordeeira, vaca leiteira (Beariz2) [29]
Vaca de leite, pouco traballo. (XLF2:68) [30]
Vaca leiteira e muller casadeira non se mercan na feira. (Carb-L:195)
Vaca leiteira e pita parideira non van á feira. (VS)
Vaca leiteira non vai á feira. (EGE:93)
Vaca remoedora, leite amorra. (VLLM:1,155) [31]

Hai unha serie moi popular, ó redor da *vaca da miña veciña*, que merece ser comentada.

A vaca da miña veciña dá máis leite cá miña. (ERG:vaca; XMSM:81; XSL:48; MC:87; JASA:308; JASA2:342; JASA3:217; VS) [32]
A vaca da mía vecía dá millor leite que a mía. (XBG:480)
A vaca da miña veciña come menos herba e dá máis leite cá miña. (XSL:48; ANV1:77; VLLM:1,131; XTC4; VS; Alla3) [33]
A vaca da miña veciña, con auga dá leite para todos. (XMSM:82; XSL:48; ZM:28; VLLM:1,131) [34]
A vaca da miña veciña dá mellor leite cá miña. (UCA2:25; VLLM:1,131; XTC4; XBG; VS) [35]
A vaca da miña veciña dá o leite máis branco cá miña. (VLLM:1,131) [36]
A vaca da miña veciña sempre dá máis leite cá miña. (VS; Trazo; Maceda2) [37]
A vaca da veciña dá máis leite cá miña. (ERQ1:138; VS) [38]
A vaca da veciña dá mellor leite cá miña. (VS)
A vaca da veciña sempre dá máis leite cá miña. (VS; TCha:94; Maceda2) [39]

É sabido que, tal como ensina Valerii Mokienko, a fixación dos refráns está en posición dialéctica coa súa mobilidade ou inestabilidade. Un refrán pode medrar e pode minguar na súa forma canónica e el denomina *explicitación* o medrío e *implicitación* a mingua. Hai casos nos que a implicitación, eliminando un elemento orixinal do refrán, elimina a intención última da paremia e altera o significado global. E viceversa.

---

27 XTC1: *de, carto, crescente*; VS: *carto*. Taboada explica que se cre que as vacas dan máis leite cando paren en nova e menos cando o fan en minguante (XTC1:109). Saco di que o recolle de Taboada Chivite.

28 Taboada recólleo en Vilela. Laza2 explica que se usa cando se quere dicir que a realidade non corresponde co que se conta. Xinzo2 explica que este é un dos refráns que máis se escoitan na comarca e que fai referencia a que cando antes se comerciaba co gando, especialmente coas vacas nas feiras, se alguén dicía que unha vaca era moi boa, por leiteira, despertaba as sospeitas dos compradores.

29 Lémbrese que vaca *cordeeira* é a vaca á que se lle marcan no ventre as veas mamarias, popularmente coñecidas como *cordas do leite.*

30 Reflicte unha das consecuencias da especialización na selección gandeira: segundo se vai perfeccionando a aptitude nunha das producións, neste caso a leiteira, vanse perdendo capacidades para outras, neste caso a do traballo. Lembrámo-lo comentario xocoso duns paisanos contra 1965 ante unha postal típica de Santiago na que uns mozos vestidos co traxe tradicional galego chamaban unhas vacas frisoas que tiraban dun carro. *¿Pero os que fixeron a foto pensan de certo que as vacas suízas poden traballar ó carro?* Véxase tamén o comentario despectivo que Prado Lameiro pon en boca de vacas do país contra as vacas pintas vidas de Holanda en 16.1. (*Mal negocio*).

31 Llópiz explica que *remoedora* é que remoe moito, e que *amorra-lo leite* é encher ben o ubre co leite: recólleo de José Mª Canoura, de Santa María do Valadouro.

32 No texto: *que a* (ERG e MC); *d'a miña viciña da mais leite c'a* (JASA); *d'a, da mais, c'a miña* (EAG). Saco y Arce engade: La *gallina de mi vecina, más huevos pone que la mía. Eterno malestar del corazón humano que jamás se satisface con lo que posee. Por eso Garcilaso ponderaba la dulzura de la fruta del cercado ajeno*. En Asturias: *A vaca da mía vecía dá millor leite que a mía* (Astur:480).

33 ANV1: *mais*; XSL, ANV1, VLLM e VS: *que a*; Llópiz: *erba*: aquí o manuscrito ten xa corrixido **dai* en *da*; recólleo de Noriega Varela (*Sabiduría popular*, 1935). XTC4: *viciña, da, mais, qu'a*.

34 XSL, ZM e VS: *pra*. Llópiz: *pra, dai* (erro típico de Llópiz por falsa semellanza con *hai*, *vai*); recólleo de Sarmiento Gil (*B.R.A.G.*, VI) e de V. Risco (*Colección de refranes*, Orense 1953). Saco engade o seguinte comentario: *Envidia de la propiedad ajena*.

35 No texto: *da, millor, que a* (UCA2, XTC4); *que a* (VLLM, VS); *mía vecía, millor, que a mía* (XBG). Llópiz di que o recolle de Saco y Arce, pero o que nós atopamos deste autor varía lixeiramente.

36 Llópiz: *dai a leite mais branca que a;* di que o recolle de M. Martínez.

37 Maceda: *da, que a*. VS: *mais leite que amiña* (nunha das formas que recolle).

38 No texto: *mais, ca* (ERQ1); *viciña* (VS). A cita de Rivas Quintas segue: *e herba nin vela, e leite polos cornos*.

39 VS: *viciña, más*. TCha: *ca*. Maceda2: *da, que a*. Parece que as cousas dos demais son mellores.

Cando o refrán ten esta forma: *A vaca da miña veciña dá máis leite cá miña*, expresa a envexa do ben alleo e o menosprezo do propio. Este tema xa é moi antigo e aparecía literalmente hai dous mil anos nos versos de Horacio (*amólame que a cabriña allea teña o ubre máis grande*) [40] e nos de Ovidio (*o gando alleo ten ubre máis grande*) [41]. Ten paralelos coma estes:

A broa da miña veciña sempre soupo mellor que a miña. (VS)
A cabra da miña veciña dá máis leite que a miña. (VS) [42]

E Saco y Arce lembra estoutro castelán: *La gallina de mi vecina, más huevos pone que la mía*.

Agora ben, existe un segundo elemento que produce unha forma máis ampla. Así en *A vaca da miña veciña dá máis leite cá miña e herba nin vela, e leite polos cornos.* Vémolo en *Frampas III* de Rivas Quintas a través do *Diccionario de Diccionarios* de Antón Santamarina e nós tamén o rexistramos en Caritel unido a outro inicio: *Encheivos, miñas vacas, pero herba nin vela, e leite polos cornos*. Con esta adición a intención inicial cambia radicalmente, convértese incluso na contraria: a envexa do ben alleo transfórmase en ironía sobre a suposta grandeza allea rebaixándoa ó seu nivel real. E, de feito, encontramos en Saco catro variantes deste segundo elemento que expresa a ironía:

Anchura, miñas vacas, gordas como estacas. (VS; VS3)
Anchura, miñas vacas: herba nin vela. (VS3)
Anchura, miñas vacas: herba nin vela e fame roela. (VS; VS3)
Gordura, miñas vacas, gordas coma estacas e herba nin vela. (VS)

Esta forma ampla, explicitada na terminoloxía de Mokienko, triunfa porque dá orixe a unha mensaxe nova, distinta e tamén interesante, a visión irónica e humorística sobre a propia miseria e maila grandeza allea. Esta duplicidade de formas truncadas ou ampliadas é normal na paremioloxía pero só se detecta cando se comparan moitas variantes dun mesmo refrán.

Non teño lei a ninguén
fóra da miña vaquiña,
que me dá un par de canadas
de leite tódolos días. [43]

Teño unha vaca leiteira,
nin dá leite nin dá nada;
pro, dá couces á canada;
¡que vaca tan condergada! [44]

Teño unha vaca na corte
que me dá leite marelo,
pra ti falares comigo
*tenche o merlo pouco *vuelo.* [45]

Falando da utilidade das vacas de leite, presta le-los versos que Crecente Vega titulou *A vaca de leite* (16.1.).

3.1.3. Vacas que seguen dando leite

Cando a cría do gando buscaba a triple aptitude da que xa falamos (leite, traballo e carne) e os animais non eran obxecto dunha sistemática mellora selectiva, o resultado era unha produción de leite e carne (da aptitude para o traballo non podemos opinar) que hoxe en día non superarían as mínimas esixencias de rendibilidade económica. Con que a vaca tivese unha cría, dese o leite suficiente para alimentala e, cun pouco de sorte, quitarlle algo para consumo da familia, directamente ou en forma de queixo, xa chegaba. Para prolonga-la lactación permitíaselle ó cuxo que seguise mamando durante moito tempo, cousa hoxe impensable, e valorábase o feito de que, unha vez destetado este, a vaca seguise dando leite. É por isto polo

[40] *Quodque aliena capella gerat distentius uber, tabesco* (*Saturae* 1, 1,110-111).
[41] *Vicinumque pecus grandius uber habet* (*Ars amandi* 1,350).
[42] VS ofrece estas equivalencias noutras linguas. P.: *A cabra da minha vizinha dá mais leite que a minha* (Chaves); E.: *La cabra de mi vecina, más leche da que la mía* (Correas); *La cabra de mi vecina, más leche da que la mía o da más leche que no la mía* (Correas); *La cabrita de mi vecina, más leche trae que la mía* (Correas); C.: *La cabra de mon veì, té mes llet que la meua* (Alberola).
[43] MLP3:182. No texto: *á ninguén*, *fora d'a*, *todol-os*.
[44] TCha:33. No texto: *qué*. En nota engade que é letra amañada para unha música de hoxe en día.
[45] Lama2:131.

que incluímos estas voces como definitorias dunha característica positiva, cando na actualidade se considera como algo absolutamente esperable, normal.

Debe terse en conta que na gandería tradicional, previa ás explotacións actuais de alta produtividade, o normal era que unha vaca rubia secara ós 15-30 días de lle quita-lo becerro, de modo que había vacas que na práctica non se muxían nunca.

2911 **melgaxo** *s.m.* Vaca que segue dando leite despois de lle quita-la cría. (Carr-G).

2912 **vaca boa** *s.comp.f.* Vaca que segue dando leite despois de lle quita-la cría. (CarbCo., PSeca).

2913 **vaca da mau** *s.comp.f.* Vaca que segue dando leite despois de lle quita-la cría. (Ced.).

2914 **vaca de leite 2** *s.comp.f.* Vaca que segue dando leite despois de lle quita-la cría. -*Eu buscaba unha vaca de leite. Cheguéime a unha que un home tiña pola corda. Non me pareceu mal e comencéi o trato* (GB2:108). *Mingas, dempois de xantar, botou o gado da corte e vai cara á chousa, afalando a cinco vacas de leite, catro xatos e dous bois de traballo, que dá xenio velos* (JRL2:40). *O Pepe tiña unha noiva na veciña parroquia de Ourás, filla de labregos con nove vacas de leite, unha besta e un boi da semente* (XVP1:41). (GB2, JRL2, Vala., XVP1).

2915 **vaca de leite á mau** *s.comp.f.* Ver VACA DE LEITE 2 /2914. A nosa fonte escribe *vaca de leite a mau*. (Arroxo, Ben., Xudán1).

2916 **vaca de leite sin cría** *s.comp.f.* Ver VACA DE LEITE 2 /2914. (Carde., Damil, Gui., Negra., Poulo, Rábade, Samos3, Santi., Sende., Vviño).

2917 **vaca de lleite a la mao** *s.comp.f.* Ver VACA DE LEITE 2 /2914. (Vill-O).

2918 **vaca do leite 2** *s.comp.f.* Ver VACA DE LEITE 2 /2914. (Cur., Vala.).

2919 **vaca do leite sin cría** *s.comp.f.* Ver VACA DE LEITE 2 /2914. (Vmaior).

2920 **vaca sin cría** *s.comp.f.* Ver VACA DE LEITE 2 /2914. (Com1, Com4).

2921 **anella 2** *adx.* [Vaca] que segue dando leite despois de lle quita-la cría. (Antas3, Cast., Fre., Sabu3, Valad.).

2922 **anilleira** *adx.* Ver ANELLA 2 /2921. (Carño2).

2923 **caseira** *adx.* [Vaca] que segue dando leite despois de lle quita-la cría. (Gaxate, Verdu.).

2924 **cinlleira 1** *adx.* Ver SELLEIRA 1 /2945. (Laraxe, Parga).

2925 **dexembrada** *adx.* Ver ENXERMADA /2931. (Noal).

2926 **ensermada** *adx.* Ver ENXERMADA /2931. (Arzón).

2927 **enteira** *adx.* [Vaca] que segue dando leite despois de lle quita-la cría. (Piñor).

2928 **entreleitada** *adx.* Ver TRELEITADA 1 /2951. (Tabor.).

2929 **enxalmada 1** *adx.* Ver ENXERMADA /2931. (Ces., Dis., Laiosa, Piñe., Veste.).

2930 **enxarmada** *adx.* Ver ENXERMADA /2931. (Abe.).

2931 **enxermada** *adx.* [Vaca] que segue a dar leite despois de lle arredaren a cría. (Amandi, Chan., Cruído, Lampón, LG, Macei., Miñor2, Mon., Negr2, Negral, Parade., Pes.).

2932 **estraleitada 1** *adx.* Ver TRELEITADA 1 /2951. (Agro., Fol-C).

2933 **estreleitada 1** *adx.* Ver TRELEITADA 1 /2951. (Cato., Mosen., Sisán, Valga).

2934 **extreleitada** *adx.* Ver TRELEITADA 1 /2951. A nosa fonte defíneo como: "Ubre seco"; consideramos que se trata dun erro atribuíble a unha simple trasposición de liña por parte do amanuense, xa que o que considerámo-lo seu verdadeiro significado aparece na liña anterior. (Valad2).

2935 **larghada do leite** *adx.* [Vaca] que segue dando leite despois de lle quita-la cría. A nosa fonte escribe *larjada do leite*. (Leir-A).

2936 **leiteira 3** *adx.* [Vaca] que segue dando leite despois de lle quita-la cría. (Aranga, Arme., Baltar, Baña2, Bidu., Boi., Busta., Caban., Cadrón, Calo, Cam4, Carr-C, Casal., Ces., Consta., Cur., Dúas, Estr4, Guil2, Laiosa, Lamas, Lava., Lestón, Melias, Nive., Oirós, Oza, PCal2, Penela, Peroxa, Rib-E, Ribad., Sabu2, Salv3, VFrore., Vrei., Vtose., Xeve).

2937 **leiteiriña** *adx.* Ver LEITEIRA 3 /2936. (Baíñas).

2938 **liñeira** *adx.* [Vaca] que segue dando leite despois de lle quita-la cría. (Ribó).

2939 **mansa 2** *adx.* [Vaca] que segue dando leite despois de lle quita-la cría. (Medín).

2940 **moseixa** *adx.* Ver MOSEXA /2941. (Laxosa).

2941 **mosexa** *adx.* [Vaca] que segue dando leite despois de lle quita-lo cucho. A. Otero define en cast. *bierva*. Segundo o DRAE, *bierva* é voz asturiana que significa "vaca que ha perdido o a la cual se ha quitado la cría y sigue dando leche". Faino proceder do lat. *priva*, privada. Curiosamente, en Piquín recollémo-la voz *mocexa*: "vaca que está sin dar leche. Ú. poco" (ERQ, s.v. *moceja*). (CP, LG, Ped1, Piquín, Rib-S, Vixoán).

2942 **musega** *adx.* Ver MOSEXA /2941. (Incio).

2943 **musexa 2** *adx.* Ver MOSEXA /2941. Aníbal Otero explica que se di da vaca que, sen estar preñada nin criando, dá algo de leite. (Vila.).

2944 **musixa 2** *adx.* Ver MOSEXA /2941. (Suarna).

2945 **selleira 1** *adx.* [Vaca] que segue dando leite despois de lle quita-la cría. En Rus, a nosa fonte escribe *selleiro*, cremos que por inadvertencia. (Anca, Caa., Car2, Cervá1, Cervá2, CTui, Cubi2, Estr3, Lago, Meir., Neda, Oirán, Pade., Piñei2, Razo, Ribe1, Rus, Vilar).

2946 **sighideira** *adx.* [Vaca] que segue dando leite

despois de lle quita-la cría. A nosa fonte escribe *sigideira*. ¿Aludirá a que *sighe* dando leite? (Tab1).

2947 **silleira 1** *adx.* Ver SELLEIRA 1 /2945. (Barre., Bemán., Codeso., Pedro., Vi-Val).

2948 **tenreira 4** *adx.* [Vaca] que segue dando leite despois de lle quita-la cría. (Peno.).

2949 **trasleita** *adx.* Ver TRELEITADA 1 /2951. (Com1, LG, XER).

2950 **trasleitada** *adx.* Ver TRELEITADA 1 /2951. *Esta vaca trasleitada dá leite de abondo, e báixalle a poxa como se tivese o becerro* (Simes). (Com1, Simes).

2951 **treleitada 1** *adx.* [Vaca] que segue a da-lo leite despois de lle retiraren o cuxo. Chaman tamén así á vaca que mercan dando leite. (Arc3, Com1, Gro2).

2952 **tresleitada 1** *adx.* Ver TRELEITADA 1 /2951. (Alla2, Borre., Vnova2).

2953 **troleitada** *adx.* Ver TRELEITADA 1 /2951. (CReis2).

2954 **xermada** *adx.* Ver ENXERMADA /2931. (Taboa.).

2955 **ben leiteira** *loc. adx.* Ver LEITEIRA 3 / 2936. (Sofán).

2956 ***blanda a muxir** *loc. adx.* [Vaca] que segue dando leite despois de lle quita-la cría. (Pal.).

2957 **apoxar 5** *v.* Seguir manando [o leite] despois de lle quita-la cría á vaca. (Viso1, Viso2).

2958 **da-lo leite sin cría** *loc. v.* Ver DAR LEITE SIN CRÍA /2962. (Crendes, PSil).

2959 **dar leite á man** *loc. v.* Seguir dando leite [unha vaca] despois de lle quita-la cría. A nosa fonte escribe *dar leite a man*. (Bar-Co).

2960 **dar leite á mau** *loc. v.* Ver DAR LEITE Á MAN /2959. (Piquín).

2961 **dar leite sin beserro** *loc. v.* Ver DAR LEITE SIN CRÍA /2962. (Negr2, TapiaC).

2962 **dar leite sin cría** *loc. v.* Seguir dando leite [unha vaca] despois de lle quita-la cría. (Carbal).

2963 **dar leite sin cucho** *loc. v.* Ver DAR LEITE SIN CRÍA /2962. (Dozón, Grixoa).

Moito che quero, vaquiña...,
mentras me día-lo leite,
que o día que non mo días
lévote á feira a venderte. [46]

3.1.4. Gando vello, que traballa ben

A vellez do gando, que o refraneiro traslada metaforicamente ó home, recibe nos seguintes exemplos un tratamento claramente positivo ó considerala como sinónimo de experiencia e resistencia. Falamos agora, xa que logo, do gando bo para traballar. Máis adiante (3.2.2.) recolleremos outros exemplos nos que a mesma situación, a vellez do gando, representa un carácter negativo.

2964 **camballeira** *adx.* [Vaca] que se axeita mellor sempre no mesmo lado. A denominación ten que ver coas cambas e cos camballóns do xugo. Pero sorpréndeno-la definición, a pesar de estar ben avalada, porque normalmente unha vaca só se axeita a unha man, é dicir, só traballa do lado esquerdo ou do lado dereito do xugo. Por iso di o refrán que *a vaca do pobre traballa ás dúas mans*. Necesidade obriga. (LP).

2965 **camballona** *adx.* Ver CAMBALLEIRA /2964. (LP).

2966 **canca 2** *adx.* [Vaca] que traballa ben no carro. (Arc1).

2967 **vesabén** *adx.* [Vaca] que traballa ben no carro ou no arado. Pero, se *vesar* é arar, ¿non será un erro por *a vaca vesa ben*? (Arc2).

2968 **do xugo 2** *loc. adx.* [Bovino] que xa vale para tirar polo carro. *Vaca do xugo*. (Cab., Com1, XER).

---

46 MLP3:182. No texto: *díal-o leite, non m'o días, â feira á venderte*.

47 Este refrán aparece inserto nun poema medieval de Pero da Ponte (Cancioneiro da Vaticana 1162) no seguinte dístico:
E, porén, diz o verv'antigo:
a boy velho non lhi busques abrigo.
Llópiz omite o pronome *lhi*. Este refrán aparece tamén en versos de Johan Soares Coelho (C.V. 284). É sabido que a poesía medieval galega conservada en Portugal ou Italia presenta grafía aportuguesada, cousa que non se dá nas copias que non proceden de Portugal (*Cantigas de Santa María* e Pergamiño Vindel cos poemas de M. Codax).
Bouza Brey, nun ms. inédito da RAG, di que este *insigne monumento de la paremiología gallega* estudouno Carolina Michaëlis de Vasconcellos e que o trae xa a colección do Marqués de Santillana de 1499.
Álvarez Giménez engade en nota a rodapé: *En castellano hay dos refranes con igual pensamiento: 'A buey viejo no le cates abrigo' y 'A buey viejo no le cates majada, que él se la cata', enseñando su sentido intelectual que no es oportuno dar consejos ni hacer advertencias á las personas de saber y experiencia*. Recordemos tamén a expresión que recolle López Taboada: *Buscarlle a corte ó boi vello*: querer ensinarlle algo a quen ten moita experiencia (LT2:163).
VS comenta: *Porque él se lo busca, como indica una de las correspondencias castellanas (A buey viejo no le cates majada, que él se la cata). Se aplica a los que intentan aconsejar a los experimentados*. E engade os seguintes equivalentes: P.: *A boi velho não cates abrigo* (Chaves); E.: *A buey viejo no le cates abrigo* (Sbarbi), *A buey viejo no le busques abrigo, búscale al becerrillo* (Correas), *A buey viejo no le busques abrigo, porque él se va a lo verde y deja a lo seco, y si verde no halla, lo seco apaña* (Correas).

A boi vello non lle busques abrigo. (XFV:45; UCA2:22; VLLM:1,142; EAG:6; VS) [47]
A boi vello non lle mudes de corte. (UCA2:39)
A boi vello non lle mudes de cortello. (VS) [48]
A boi vello non lle mudes o cortello. (UCA:36.18; ZM:16; VS) [49]
Ao boi vello non lle cates abrigo. (VLLM:1,129) [50]
Ao boi vello non lle mudes a corte. (VLLM:1,129) [51]
Ó boi vello non lle búsque-la corte, que xa che dará el coela. (ERG:boi) [52]
Ó boi vello non lle búsque-lo abrigo. (VS)
Ó boi vello non lle busques abrigo, búscallo ó becerriño. (ERG:boi)
Ó boi vello non lle cates achego, porque el vaise ó verde e deixa o seco, mais, se verde non acha, o seco apaña. (ERG:boi) [53]
Á vaca vella aguzarlle a rella. (VLLM:1,132) [54]
Á vaca vella aliviarlle a rella. (VLLM:1,132) [55]
A vaca vella turra do arado, a xuvenca deprende ó seu cabo. (VLLM:1,132) [56]
Axunto da vaca vella deprende a ara-la xovenca. (VLLM:1,132) [57]
Axunto do boi vello afeizóase o xuvenco. (VLLM:1,132) [58]
Axunto do boi vello deprende a ara-lo xuvenco. (VLLM:1,133) [59]
Cabe do boi vello deprende a turrar o xuvenco. (VLLM:1,133)
O boi vello puxa do arado e o novo deprende ó seu cabo. (VLLM:1,147) [60]
Ao boi vello gústalle o outono novo. (Vald3) [61]
Ao boi vello asáñao o rego. (VLLM:1,129) [62]
Ara con boi vello, que non che perderá o rego. (VLLM:1,130) [63]
Boi vello, de seu leva o rego. (XLF2:23; ZM:47; VLLM:1,136; VS) [64]
Boi vello non olla o rego. (VLLM:1,136) [65]
Boi vello, pola rilleira. (XMSH:38; Antas4; Gud5:89; VS) [66]
Boi vello polo uso ara. (VLLM:1,136; XTC4) [67]
Boi vello, rego dereito. (VS; VLLM:1,136) [68]

---

48 Comenta VS que *No es fácil desarraigar añejas costumbres. Se dice lo mismo de las personas: 'al viejo, múdale el aire y te dará el pellejo'*. Engade o seguinte equivalente castelán: *Al buey viejo, múdale el pesebre y dejará el pellejo* (Sbarbi).

49 ZM: *de cortello*.

50 Llópiz coñece a variante *busques* (en Saco y Arce, Carré e Noriega) e di que en cast. existe dende Hernán Núñez *Al buey viejo no le cates majada, que èl se la cata*.

51 Llópiz di que o recolle de E. Carré (*A Nosa Terra* 1908) que realmente di *A boi vello non lle mudes de corte*.

52 ERG: *búsquela, él co ela*.

53 ERG: *él vaise, máis se verde*.

54 Llópiz cita a *Biblioteca de Tradiciones Populares Españolas*, X; recomenda este refrán afia-la rella do arado para aforrarlle esforzo a unha vaca vella.

55 Llópiz recólleo de M. Martínez (1870).

56 Llópiz recólleo en Serantellos de M. Grandal.

57 Llópiz recólleo en Rendar de M. González.

58 Llópiz di que se refire a arar e a tirar polo carro; recólleo de A. Abizanda.

59 Llópiz recólleo en Canedo (Monforte) de J. Piñeiro.

60 Llópiz recólleo en Rendar (O Incio) de M. González.

61 No texto: *gustalle*.

62 Llópiz*: lle asaña.* Corriximos por ser un dos erros frecuentes de Llópiz na colocación de pronomes átonos e nas formas que en cast. son reflexivas. Explica que *asañar* é *ponerse de mal humor, enojarse*; recólleo de Rof Codina (*Zootecnia veterinaria* do Instituto Pecuario de Lugo).

63 Llópiz recólleo de M. Martínez (*Temas del labrador*, 1886).

64 Llópiz recólleo de Leiras Pulpeiro (*B.R.A.G*., VII).

65 Llópiz explica que é unha hipérbole dos refs. similares da mesma serie, figurando que xa non precisa mirar para o rego anterior para leva-lo arado paralelo; recólleo en Riocaldo (Ourense).

66 A *rilleira* é un sitio difícil nunha corredoira, e ó boi vello como tira ben élle máis fácil subir coa carga. VS presenta tres variantes: *reigueira, rigueira* e *rilleira.*

67 No texto: *pol-o* (VLLM), *pol'o* (XTC4). Llópiz recólleo de Noriega Varela (*Sabiduría popular*, 1935).

68 No texto: *direito* (VS), *dreito* (VLLM). Llópiz di que o recolle de E. Carré (*A Nosa Terra*), pero o que nós atopamos di *Boi vello, suco dereito*.

Boi vello, suco dereito. (UCA2:39; VLLM:1,136; SCD:16; VS) [69]
El boi vello, si nun ara, guarda el rego. (XBG:481)
O boi, cando vai vello, máis dreito leva o rego. (VLLM:1,136) [70]
O boi, cando vai vello, millor tira o rego. (VLLM:1,146) [71]
O boi, cando vello, millor leva o rego. (VLLM:1,146)
O boi, canto máis vello, millor leva o rego. (VLLM:1,136) [72]
O boi vello de seu leva o rego. (ERG:boi)
O boi vello leva o suco ó dereito. (ERG:boi)
O boi vello polo uso labra. (PRIVAS) [73]
Arando é que se ve o bon boi. (VLLM:1,145) [74]
No arado vese o bon boi. (VLLM:1,145) [75]
Arrenego do sobeo no que non puxa o boi vello. (VLLM:1,143)
¡Malia do sobeu no que non turra o boi vello! (VLLM:1,143) [76]
Boi vello faise novo no lameiro. (VLLM:1,136) [77]
Boi vello folga/refolga no lameiro. (VLLM:1,136) [78]
Pra o boi vello, verde lameiro. (VLLM:1,151) [79]
Boi vello faise ao meu subeu e ó teu. (VLLM:1,136) [80]
Boi vello, labra cos ósos. (VLLM:1,136) [81]
Boi vello, sólo cos ósos puxa o carro. (VLLM:1,136) [82]
Bois pra arar e mulas pra acarrexar. (SCD:15) [83]
Mal lle vai á corte cando o boi vello non tose. (ERG:boi; VLLM:1,143) [84]
Mal lle vai á corte onde o boi vello non tose. (ZM:129; VS)
Mal vai a corte do boi vello non tose. (FBB:226; VS) [85]
Mal vai á corte, onde o boi vello non tose. (EAG:19; JASA:343; JASA2:373; JASA3:223; UCA2:44) [86]
Onde o boi vello non tuse, a fouce enferrúxase. (ERG:boi)
Ó boi adoito, térmalle a teiró que che ara solo. (VLLM:1,128) [87]

---

69 Llópiz recólleo de E. Carré (*A Nosa Terra*). É o contrario de *Bois novos, rego torto* e *Parella nova, envelga torta*. A un refrán castelán semellante comenta a E. Espasa: *explica cuan ventajosa es la experiencia, principalmente en el terreno de la práctica*. SCD: *surco direito*. VS ofrece as seguintes equivalencias. P.: *Boi velho, rego direito* (Chaves); E.: *Buey viejo lleva surco derecho* (Correas) / *Buey viejo, surco derecho* (Correas); C.: *El bou vell fa el solc dret* (Alberola).

70 Llópiz recólleo da Cámara Oficial Agrícola da Coruña (1945).

71 Llópiz explica que *tira-lo rego* é trazalo dereito ó arar; recólleo na Estación pecuaria de Fingoio.

72 Recólleo de A. Pereira Ríos na Granxa de Cerceda (Coruña).

73 A sabiduría pola experiencia. No orixinal entre admiracións.

74 Llópiz recólleo de L. Páramo.

75 Llópiz: *se ve* por *vese*; recólleo de J. Zaera en Sarria.

76 Llópiz: *Malia! do sobeu...*; explica que *sobeo* e *sobeu* é o mesmo que *cibela* e *xango*, o que une o boi ó xugo; engade que os bois vellos, por estaren afeitos, axéitanse ben a calquera clase de sobeu, se non é defectuoso ou de mala calidade.

77 Llópiz: *Alude a la piel lustrosa que vuelve a adquirir, cuando deja de trabajar y huelga sobre la rica hierba*.

78 Llópiz define *folga* como *retoza*, é dicir, brinca, rebulda.

79 Llópiz: *Pra-o*; recólleo de Francisco Lanza (Ribadeo 1950).

80 Llópiz non explica aquí a notable palabra *subeu* pero di o seguinte: *El buey, muy acostumbrado cuando viejo al cambio de coyundas, ya no padece lo que de joven, cuando por la clase de trabajo o nueva comarca donde le llevan ha de sujetarse a otros sistemas de yugo*. Aínda así, o propio Llópiz cita un refrán contrario: *Bois vellos con canga nova, envelga torta*.

81 Llópiz di que o recolle de E. Carré (*A Nosa Terra* 1908), pero no *Refranero gallego* que Carré publica n'*A Nosa Terra* (12.01 ó 20.08) non o atopamos. O máis parecido sería *Boi vello, suco dereito*, que tamén recolle Llópiz.

82 Recólleo de V. Risco (1953).

83 Cada cousa debe utilizarse para o que é.

84 Llópiz: *â*; cita a var. que está no *Catálogo de prov.* de Pedro Vallés: *Mal lle vai á corte onde o boi teixo non tose*; ver explicación a este refrán no apart. 2.2.1.1.: *Raza marela*. A tose aquí aparece en sentido figurado como símbolo da autoridade: pode *tusirlle a alguén* quen ten autoridade para facelo. Lémbrese o refrán *Onde o home tose, a fame foxe* (ZM:188) ou a descrición que nos dá Neira Vilas: *Un rapaz da aldea. Coma quen dis, un ninguén. E ademáis, probe. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa* (XNV:25).

85 FBB: *Do* arcaísmo por *donde. Murguía lo restituye modernizándolo*. VS: *va, buey*. Saco comenta: *Recomendando el gobierno de los experimentados*, e ofrece estes equivalentes: P.: *Mal vai à corte onde o boi velho tosse* (Chaves); E.: *Mal va a la corte donde el buey viejo no tose* (Correas), *Mal va a la corte donde el viejo no tose*, *Mal va a la troje donde el buey viejo no tose*.

86 No texto: *â corte* (JASA2, JASA3); *a corte, tuse* (UCA2).

87 Llópiz: *ch'ara;* recólleo en Verín en 1946; e explica que *termarlle a teiró* é agarrar con forza na rabela do arado para que finque ben a rella.

O boi ben vezado traballa a carón do faco. (VLLM:1,145) [88]
O boi da arada e o home da cavada aproveitan a noite clara. (RCI:111)
O boi máis vello panda por ser mal labrada a horta. (VLLM:1,146) [89]
O boi termente atura a semente. (VLLM:1,147) [90]
O boi vello a gatuñeira tira dos regos. (VLLM:1,147) [91]
O boi vello a uña gata escoalla do rego. (VLLM:1,147)
O boi vello afonda o arado e arrinca as raíces do prado. (ERG:boi)
Ó boi vello dálle mantenza e darache a pelexa. (ERG:boi)
O boi vellouqueiro conoce ó seu amo e ó seu comedeiro. (ERG:boi) [92]
O potro, da potrela, e o becerro, da vaca vella. (VS) [93]
Poldro, de poldrela; becerro, de vaca vella. (ERG:poldro)
Poltro, de poldrela; becerro, de vaca vella. (ANV1:101) [94]
Poltro, de poltrela, e boi, de vaca vella. (Barcia)
Poltro, de poltreta; becerro, de vaca vella. (XTC4) [95]
Potro, de potrela; becerro, de vaca vella. (EAG:51; MVN:466; MVN2:100; PdM:18; VS) [96]
Paifoco de bos rellos para parella de bois vellos. (VLLM:1,150) [97]
Parella vella con canga nova, embelga torta; e si nova a parella, nin torta nin dereita. (VLLM:1,151) [98]
Parella vella con canga nova, embelga torta; e, se nova, nin dreita nin torta. (VLLM:1,151) [99]
Parella vella con xugo novo, tira o rego torto e parella nova con xugo vello, nin torto nin dereito. (VLLM:1,151) [100]
Quen a vacas gabou, nunca con bois traballou. (Grou)
Trata en novelas e ara con vacas vellas. (XTC4)

---

88 Llópiz: *bezado*, *acarón*; recólleo na Estación pecuaria de Fingoio.

89 Llópiz: *órta*; recólleo de J.M. Eiriz en Rozabales (Monforte).

90 Llópiz explica que o boi de gran resistencia (*termente*) atura a sementeira (*semente*) de principio a fin. Na E. Espasa hai un refrán semellante: *Buey teniente, dura la simiente*, e explica que *para que dure el trabajo, ha de ser moderado*.

91 A *uña gata*, tamén chamada *uña de gato, uñagata, uñaghatos* e *gatuña* (*Ononis repens* ou *Ononis spinosa*) é unha leguminosa rastreira, frecuente en terras de labor, con raíces que profundizan moito e que se ramifican rapidamente polo subsolo, absorbendo os elementos que precisan as plantas sementadas e prexudicando así a sementeira; esas raíces son moi resistentes e dificultan o traballo do arado, que precisa bois fortes capaces de arrincala (*tirar dos regos, escoallar)* e hábiles, e como esta habilidade cóllese co tempo, este traballo fano ben os bois vellos nada máis. De aí o nome que a nós nos interesa: *detenbois* (e os paralelos *resta-boi*, *rilha-boi* en port.; *afrontallauradors* en cat.; *galdarrona* –ergue arados- en vasco; *quiebrarados*, *detienebuey* en cast. [FQ:363-365]). Llópiz recólleo da páxina agrícola de *El Progreso* de Lugo (s.d.). A E. Espasa comenta o equivalente refrán castelán da seguinte maneira: *Aconseja no despreciar sistemáticamente las cosas antiguas, que á veces son mejores que las modernas.*

92 A E. Espasa dá un paralelo cast.: *El buey y el asno conocen su pesebre y á su amo*, e coméntao así: *Significan que hasta los irracionales enseñan á las personas a ser agradecidas*.

93 VS: *i-o becerro*. Este refrán e mailos seguintes recollen unha práctica común na gandería tradicional segundo a cal se aconsellaba destinar ó engorde e posterior sacrificio ás primeiras crías que tiña unha vaca. A moderna gandería, que se abastece de xovencas importadas xa preñadas, non podería permitirse estes luxos.

94 ANV1: *Póltro, poltréla*.

95 Sospeitamos que ese *poltreta* sexa un erro por *poltrela*, diminutivo que utilizan tódolos demais autores.

96 MVN: *potrèla, vèlla*. MVN2: *potréla, vélla*.

97 Llópiz explica que *paifoco* ten aquí aínda o valor primitivo de coidador do gando (el di en cast. *gañán*) e que *ter bos rellos* é ter boa musculatura e resistencia. Engade que os bois vellos, ademais da súa perfecta adaptación a calquera clase de aparello e traballo, renden máis cós bois novos ou pouco afeitos; correspóndelle polo tanto un coidador tamén forte coma eles. Recólleo en Betanzos. Esta explicación baséase en considera-las cordas como metáfora dos músculos do gandeiro. O *Diccionario de Diccionarios* de Antón Santamarina permítenos ver que *rello* é bacoriño e corda (algúns especifican que "corda para o carro"). Hai algunha outra acepción, pero ningunha fai mención á musculatura. Sarmiento di que *tener a uno a rêllo*, significa "sujetarle, atarle corto" e engade unha hipótese etimolóxica ("Acaso de *regula* y *rectum"*). Na colección de Vázquez Saco aparece o refrán *Reyeiro na porta, o tempo da volta*, do que o colector explica o seguinte: "*Reyeiro:* gallegos que antiguamente iban a Asturias en invierno para hacer *reyos,* o cuerdas de cerdas". A santa Mariña de Muxía ofrécenlle os gandeiros os rellos ou cordas do gando para o que invocaron a súa protección. Eses rellos déixanos en ofrenda no día da festa (18 de xullo) e ó outro día póxanos (*poxa dos rellos*) co que, nalgúns casos, os mesmos oferentes levan para a casa, por unha cantidade que gustosamente deixan á santa, o rello da vaca curada.

98 VLLM: *envelga*; recólleo de E. Núñez Sarmiento. Nótese o quiasmo *Parella vella... nova a parella*.

99 Llópiz: *envelga*; explica que o refrán aconsella non lle andar trocando o xugo ós bois que xa están afeitos a un: os bois vellos aínda se axeitarán pero unha parella nova non (por iso di que non fará rego dereito nin torto). Recólleo en Lugo (1905).

100 Llópiz recólleo do párroco de San Cristovo de Martín (Lugo), A. González.

3.1.5. Gando ancho do terzo posterior

2969 **cadeirudo** *adx.* [Boi] ancho do terzo posterior. *Boi cadeirudo e boas illargas, saca ó seu dono da lama*. (VLLM).

2970 **cadriludo** *adx.* Ver CADEIRUDO /2969. (VLLM).

2971 **colona** *adx.* Ver CUONA /2972. A nosa fonte inclúe esta voz baixo o grupo de "Denominacións da vaca segundo a raza". Debemos advertir que non existe unha *raza cuona* senón que se trata dun carácter xenético que posúen algúns exemplares e que pode ser obxecto de selección. (Codeso.).

2972 **cuona** *adx.* [Vaca] ancha do terzo posterior. (Arc1).

2973 **encalsonada** *adx.* [Vaca] ancha dos cadrís. (Ribe2).

2974 **retrepo** *adx.* Ver RETROPADO /2975. (FA).

2975 **retropado** *adx.* [Animal] ancho dos cadrís. (Piquín).

A vaca, vela ir; e o boi, velo vir. (Sou3; Curro; Antas4) [101]

O boi, velo vir, e a vaca, vela ir. (VS) [102]

Boi cadeirudo e boas illargas, saca ao seu dono da lama. (VLLM:1,133) [103]

Boi cadeirudo e de lomba ancha ao seu dono saca da lama. (VLLM:1,133)

Boi cadriludo e de costas anchas ao seu dono saca da lama. (VLLM:1,133) [104]

3.1.6. Becerros cuóns



Becerro semicuón no mercado de Amio.

Chamamos así aqueles animais que presentan unha hipertrofia muscular, tamén chamada *dobre musculatura*, que, aínda que afecta tódolos músculos, maniféstase especialmente nos do dorso e cuartos traseiros, que parecen desproporcionados, coa masa muscular ben marcada.

[101] A vaca, vista por detrás, permite ve-lo tamaño e a conformación do ubre, é dicir, a súa capacidade leiteira. Pola contra, vindo o boi por diante podemos ve-la musculatura do terzo anterior, é dicir, a súa capacidade de traballo. Contradise co refrán *Ó boi velo ire e á vaca vela vire*, aínda que, coma sempre, este tipo de variantes contraditorias sobreviven na memoria paremiolóxica da xente porque orixinan ideas ou mensaxes novas que tamén teñen o seu interese e por iso acaban adquirindo fixación. Antas4 di *A vaca ... o boi.* Curro di *Á vaca... ó boi.* A frecuencia do anacoluto nos refráns fainos pensar que a primeira é a máis auténtica e espontánea, mentres que a segunda nace do desexo de corrección gramatical.

[102] VS comenta: *Así hacen los compradores, para juzgar de la buena planta de la res*. No texto: *i-a*.

[103] Llópiz explica que *sacar da lama* significa sacar a alguén dunha situación comprometida. Recólleo en Campos de Vila (Quiroga).

[104] Recólleo en Moscoso do sacerdote S. Otero. O refrán recolle o feito de que o aumento do volume torácico proporciona unha maior resistencia ante calquera esforzo.

Débese a unha mutación xenética que desinhibe o desenvolvemento muscular e considerámolo como característica positiva polo notable rendemento económico dos becerros que posúen este factor, superior a calquera outra raza de carne. O xen responsable tamén modifica a distribución e composición da graxa infiltrada na carne, cunha composición máis saudable cá graxa dos animais normais Cómpre advertir que tamén existe a corrente oposta, que considera negativo este factor polas dificultades que adoito aparecen no momento do parto dun animal deste tipo.

É ben posible que algunhas das informacións recollidas, como *becerro bo*, *cruzado*, *gordo*, respondan, simplemente, a becerros ben conformados, gordos pero que non necesariamente posúan o carácter xenético de becerro cuón: trataríase, logo, de becerros procedentes de cruces mellorantes, cun desenvolvemento muscular maior có habitual nos becerros nacidos de vacas rubias non seleccionadas.

2976 **cachorro 1** *s.m.* Becerro ancho do terzo posterior. (Sofán).
2977 **castizo 2** *s.m.* Becerro ancho do terzo posterior. (Val-LE).
2978 **labanco** *s.m.* Becerro ou porco gordo. (Piquín).
2979 **becerro bo** *s.comp.m.* Becerro ancho do terzo posterior. A nosa fonte escribe *becerro boo*. (Ribó).
2980 **becerro bo de atrás** *s.comp.m.* Becerro ancho do terzo posterior. Taboa. recolle *boo d'atrás*. (Gud., Taboa.).
2981 **becerro bon** *s.comp.m.* Ver BECERRO BO /2979. (Cervá1, Cervá2).
2982 **becerro cos cadrís anchos** *s.comp.m.* Ver BECERRO DE CADRÍS ANCHOS /2985. (Baltar, Buga-N).
2983 **becerro de cadrices anchos** *s.comp.m.* Ver BECERRO DE CADRÍS ANCHOS /2985. (Rus).
2984 **becerro de cadril ancho** *s.comp.m.* Ver BECERRO DE CADRÍS ANCHOS /2985. (Beman.).
2985 **becerro de cadrís anchos** *s.comp.m.* Becerro ancho do terzo posterior. (Sofán).
2986 **becerro de cu ancho** *s.comp.m.* Ver BECERRO DE CADRÍS ANCHOS /2985. (Ortoño).
2987 **becerro de cuada ancha** *s.comp.m.* Ver BECERRO DE CADRÍS ANCHOS /2985. (Morga.).
2988 **becerro de cuadrís anchos** *s.comp.m.* Ver BECERRO DE CADRÍS ANCHOS /2985. (PSil).
2989 **becerro de cuatro cuadriles** *s.comp.m.* Becerro ancho do terzo posterior. (Caban.).
2990 **becerro de óso ancho** *s.comp.m.* Ver BECERRO DE CADRÍS ANCHOS /2985. (Noal).
2990b **cuón de sete raias** *s.comp.m.* Becerro cuón a quen na coxa se lle marcan de maneira moi visible as covas entre os músculos. *Cuón* aquí está substantivado. (Ourense3).
2991 **pucho con boa cuada** *s.comp.m.* Becerro ancho do terzo posterior. (Cruído).
2992 **terneiro coa *cadera ancha** *s.comp.m.* Becerro ancho do terzo posterior. (Melias).
2993 **acuado** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Caa., Cab., Ces., Crendes, Mosen., Negr2).
2994 **ancho** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. Sabu3 di *becerro muy ancho*. (Cunt2, Cur1, Fara., Lagar., Lago, Lamas, Neda, Oroso1, Per1, Sabu3, Vcova., VFrore.).
2995 **coadrado** *adx.* Ver CUADRADO /3000. (Valad2).
2996 **crusado** *adx.* Ver CRUZADO /2997. (Cam4).
2997 **cruzado** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Carde.).
2998 **cuaceiro** *adx.* Ver CUÓN /3004. (Pre.).
2999 **cuado** *adx.* Ver ACUADO /2993. (Carde.).
3000 **cuadrado** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Borre., Fol-LE, Guil2).
3001 **cuán** *adx.* Ver CUÓN /3004. (Laraxe, Lucí).
3002 **cuarteada** *adx.* [Becerra] ancha do terzo posterior. (Vmaior).
3003 **cueiro** *adx.* Ver CUÓN /3004. (Burgo, Ces., Corb., Lestón, Mira., Pade., Pal., Ribe1, Sisto, TapiaC).
3004 **cuón** *adx.* [Becerro] con hipertrofia do terzo posterior. (Caa., Cab., Com1, Cur., Gond., Gui., Suarna. ILG:41 (C:15, LU:7, OU:4, PO:15)).
3005 **encadrilado** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Cer.).
3006 **encuado** *adx.* Ver ACUADO /2993. (Com1, Mel1, San.).
3007 **escadrilado** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Arzón).
3008 **escuado** *adx.* Ver ACUADO /2993. (Grixó, Gui.).
3009 **estroncada** *adx.* [Becerra] ancha do terzo posterior. (Enxames).
3010 **ghordo** *adx.* Ver GORDO /3011. A nosa fonte escribe *jordo*. (CarbCo., Lampón, Leir-A).
3011 **gordo** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Noal).
3012 **membrudo** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Ctel1, Teo).
3013 **nadighón** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. A nosa fonte escribe *nadijón*. (Sende.).
3014 **naufro** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Vil.).
3015 **tirolés** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Aranga).
3016 **truncudo** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Vrei.).
3017 **zancuda** *adx.* [Becerra] ancha do terzo posterior. (Vmaior).
3018 ***colón** *adx.* Ver CUÓN /3004. (Alence, Baíñas, Cast., Com1, Eixo, Grixoa, Santi., Sob., Vxoán).
3019 ***culeiro** *adx.* Ver CUÓN /3004. (Barre.).
3020 ***culero** *adx.* Ver CUÓN /3004. (Alla2, Consta., Mon., Negral, Parga, Piñei2, Xun.).
3021 ***culombo** *adx.* Ver CUÓN /3004. (Mond2, Valga).

3022 ***culón** *adx.* Ver CUÓN /3004. (Boi., Burón, Carb3, Casal., Ced., Cerd2, Com1, Com4, CTui, Fri., Gun., Incio, Lañas, Lendo, Negr2, Noice., Oirós, Oliv., Pantón, Ped1, Poulo, Pravio, Ram., Randu., Razo, Rendal, Ribad., Salv3, SComba, Suevos, Vala., Vill-O, Vviño. ILG (LU:19)).
3023 ***culote** *adx.* Ver CUÓN /3004. (Mira.).
3024 ***semiculón** *adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior aínda que en menor grado cós propios becerros cuóns. Denominación técnica. (Rib-S).
3025 **aberto d'atrás** *loc. adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Oroso2).
3026 **ancho da traseira** *loc. adx.* Ver ANCHO /2994. (Antas3).
3027 **ancho das cruces** *loc. adx.* Ver ANCHO /2994. (Bar-Co.).
3028 **ancho de atrás** *loc. adx.* Ver ANCHO /2994. As nosas fontes escríbeno *ancho datrás* (Carbal.), *ancho da tras* (Carr-C), *ancho de atras* (Carño2) e *ancho de tras* (Piñe.). (Carbal., Carño2, Carr-C, Piñe.).
3029 **ancho de cadrís** *loc. adx.* Ver ANCHO /2994. (Bidu).
3030 **ancho do cadril** *loc. adx.* Ver ANCHO /2994. (Bas., Calo, Conxo).
3031 **ancho do cu** *loc. adx.* Ver ANCHO /2994. (Couce.).
3032 **ancho dos cadrís** *loc. adx.* Ver ANCHO /2994. (Anseán, Tab1, Verdu.).
3033 **ancho dos cuadriles** *loc. adx.* Ver ANCHO /2994. (Fol-C, Gaxate, Viso1, Viso2).
3034 **ancho dos cuadrís** *loc. adx.* Ver ANCHO /2994. (Vixoán).
3035 **ben ancuado** *loc. adx.* Ver ACUADO /2993. (Anca).
3036 **ben cruzado** *loc. adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Medín).
3037 **ben cuado** *loc. adx.* Ver ACUADO /2993. (Meir.).
3038 **ben encuado** *loc. adx.* Ver ACUADO /2993. A nosa fonte escribe *é ben encuado*. (Negra.).
3039 **ben feito 2** *loc. adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (PSeca).
3040 **ben feito de detrás** *loc. adx.* Ver BEN FEITO 2 /3039. (Fuxás).
3041 **cargado de atrás** *loc. adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Arca).
3042 **carghado á traseira** *loc. adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. A nosa fonte escribe *carjado a traseira*. (Abe.).
3043 **moito *colón** *loc. adx.* [Becerro] ancho do terzo posterior. (Lous.).
3044 **ser de anca boa** *loc. v.* Ser [un becerro] cuón, que ten o terzo posterior amplo. A nosa fonte recolle *anca boa*. (Dum.).
3045 **te-la mesa ben posta** *loc. v.* Ser [un becerro] ancho do terzo posterior. A *mesa* sería a superficie que forman o espiñazo e os cadrís. (Agro.).
3046 **ter boa cuada** *loc. v.* Presentar [un becerro] o amplo desenvolvemento do terzo posterior característico dos becerros cuóns. (Cruído, Piñor).
3047 **ter boa traseira** *loc. v.* Ver TER BOA CUADA /3046. (Piñor).
3048 **ter bon cu** *loc. v.* Ver TER BOA CUADA /3046. (Codeso., Pedro.).
3049 **ter unha boa cueira** *loc. v.* Ver TER BOA CUADA /3046. Agro. escribe *ten una boa cueira*. (Agro., Figue1).

3.1.7. Gando gordo

3050 **boi arreventado** *loc. s.* Masa na artesa. Úsase nas adiviñas. (PM:409).
3051 **boi asobedado** *loc. s.* Masa na artesa. Úsase nas adiviñas. (PM:409).
3052 **boi ben cebado** *loc. s.* Masa na artesa. Úsase nas adiviñas. (PM:409).
3053 **boi ben fartado** *loc. s.* Masa na artesa. Úsase nas adiviñas. (PM:409).
3054 **boi estoupando de cheo** *loc. s.* Masa na artesa. Úsase nas adiviñas. (PM:409).
3055 **callada 2** *adx.* [Vaca] moi gorda. O noso informante de San. defíneo como "vaca esaxeradamente gorda", o que podería levarnos a clasificar esta voz como característica negativa. (Feás-A, Mel1, San., Sob., Toba, Xun.).
3056 **lombudo** *adx.* [Animal] de lombo grande. (ERG).
3057 **lucidío** *adx.* Ver LUCIDO /3058. (VLLM).
3058 **lucido** *adx.* [Boi] de boa calidade. (VLLM).
3059 **nidio** *adx.* [Gando] gordo, ben cebado e por iso lustroso. *Un petrucio mercou na feira unha xovenca nídia e rexa que mesmo daba xenio vel-a. Despois de emborcar unhas poucas de cuncas do ribeirán á sorte da boa (feira) compra que fixera, véuse prô eido con a becerrota pola corda* (VD:363). Naturalmente, tamén podemos atopar exemplos de uso noutras especies: *Andaba un home a cazar nun dia de pouca sorte, cando se porcatou de que, nunha chaira, no medio de unha clareira, estaban a rebuldar dous coellos gordos e nidios* (VD:351). (VD, VLLM).
3060 **odrado** *adx.* [Animal] gordo, lucido. *Tés as vacas ben odradas*. (Paíme).
3061 **pacharrona** *adx.* [Vaca] ancha. (San.).
3062 **gorda callada** *loc. adx.* [Vaca] moi gorda. (Ctel1).
3063 **estambullar** *v.* Ver ESTANDULLAR 2 /3064. (Lan.).
3064 **estandullar 2** *v.* Estar moi gordo. *Iste boi está que estandulla*. (Lugo1).
3065 **criar *riñón** *loc. v. fig.* Engordar [un animal]. Alude á acumulación de graxa ó redor dos riles. (ERG, UCA, VLLM).
3066 **te-las vacas coma carros** *loc. v.* Ter [as vacas] ben mantidas, grosas e redondas. *As vacas tiñámolas coma carros, ¡comían o que querían!*. (Muíños).

A gordura é boa pós bois. (VS)
Ao boi larpeiro o coiro lle reloz. (VLLM:1,129) [105]
Boi de ventre non mente. (VS)
*Boi e marrau, a barriga *hasta o chau.* (Viana5) [106]
Gando gordo pon ao seu amo tolo. (VLLM:2,88)
Gando gordo vira ao seu dono tolo. (UCA2:37)
Gando gordo volve ó seu dono tolo. (MVN; MVN2:86; VS; EAG:17; ZM:113; XMSH:75; ERG:gando; XFV:45; XTC4) [107]
Gando nidio ó seu dono pon relouquido. (VLLM:2,88) [108]
No abril mollado, engorda o porco e medra o gado. (Parade.:303)
O boi i o marrao, barriga ó chao. (XTC4) [109]
Ovella cornuda e vaca barriguda, non a troques por ningunha. (ERG:ovella) [110]
Vacas gordas, leite nos cornos. (XTC4)

Ai Maruxiña do trebelladoiro
á túa mai morreulle o boi gordo
e ó teu pai morreulle o bragado
e ahora tu tirarás polo carro. [111]

Eres blanca coma o leite,
colorada como a pez,
tes a cintura de boi,
cara de macho francés. [112]

Tiñas as vacas ben gordas
cando iban prá Rectoral,
agora morren de fame
enzarradas no curral. [113]

Entre tabla e tablado
hai un boi esbarrelado. [114]

Entre valado e valado
hai un boi ben cebado. [115]

Entre valado e valado
hai un boi esbarrigado. [116]

O labrego, o lobo, o zorro e o tabán [117]

Outra era un labrador que estaba arando, tiña, cunha parexa de bois estaba arando, e veu por alí, veu por alí o lobo e díxolle:

- *Buenos días.*

E dixo:

- *Ten usté unhos bois ben gordos.*

Dixo:

- *E teño.*

Dixo:

- *¿Como fixo pa os engordar así?*

Dixo:

- *Aperguiceinos* [118].

---

[105] Llópiz di que o recolleu na Estación pecuaria de Vilapedre (Vilalba).
[106] No texto: *marráu*.
[107] EAG: *à*; ZM: *ao*; XTC4: *a seu dono* (recólleo do *Diccionario* de Valladares); MVN: *vòlve, á seu dono*. MVN2:86: *á seu dono*. VS: *Ganado... a seu dono*.
[108] Llópiz explica *gando nidio* como groso e graxento; e *poñer relouquido a un* como poñer tolo de contento.
[109] XTC4: *y-o*.
[110] ERG: *nona*.
[111] SCHU1/2/596. No texto: *morreull'o*.
[112] VLQ2:341, Gud8:97. No texto: *como a leite, téis* (VLQ); *o pez, teis* (Gud8).
[113] Coto2:100.
[114] A masa na artesa. Gud5:44.
[115] A masa na artesa. PM:409.219.
[116] A masa na artesa. PM:409. TCha:101: *Entre balado e balado*... APG:167 dá como solución o pan na maseira.
[117] XPP:70-71. Recollido en Vilareda, Palas de Rei.
[118] No texto: *A perguiceiros*: coidamos que é unha errata, porque a continuación úsase o verbo *perguizar* e o mesmo interlocutor usa *aperguizar*. Ademais as posteriores respostas tamén son cos verbos *palizar /apalizar* e *capar.*

- *¡Ai ho, se me perguizara a min tamén!*

Dixo:

- *Aperguizo ho, aperguizo.*

E vai e deulle unha paliza condenada, e despois o lobo marchouse deitar debaixo dun carballo. Dixo:

- *Me cagho en...,* -dixo-, *engordar, engordo.*

Que inchaba cos paus que lle deu.

Dixo:

- *Engordar, engordo, pero doer, dóeme o corpo de carajo.*

E entonces despois veu o zorro por, por alí por onda o lobo, e díxolle:

- *¿Que fas aí ho?*

Dixo:

- *Estou aquí deitado que fun aí onda ese labradore,* -dixo- *e deume unha paliza condenada,* -dixo-, *apalizoume pra que pra que enghordara*, [disque] *ten unhos bois mui ghordos, i el tamén me palizou a min pra que engordara,* -dixo-, *e mira o que enghordo.*

E dixo:

- *Logo, vouche ir eu tamén a ver se engordo eu tamén.*

E vai o zorro tamén foi.

E dixo:

- *Buenos días labradore.*

- *Buenos días.*

Dixo:

- *¿E como ten estes bois así tan ghordos?*

Dixo:

- *Capeinos.*

E dixo:

- *Ai ho, se me capara a min tamén.*

E dixo:

- *Gardo as vacas.*

Quitou a soga dos bois, tamén a prendeu alí nun carballo, e capouno. ¡Me cagho en tal!, o zorro marchou máis fino có demo, e foise deitar onda o lobo. E estuvo alí, e estaba alí deitado, pero, o labradore despois descansou un pouco, deixou quedar os bois parados, e veu un tabao, púxoselle nunha perna ó boi, e vai el pillou o tabao e meteulle unha palla no cu e vai o tabao voou e foise poñer encima dos outros nun, nunha póla, no carballo tamén; [...] os tres fodidos; e despois veu a muller e deulle o xantar e comeron, alí no, estuveron alí no arredor e comeron, en canto terminaron botoulle unha brinqueta á muller, e despois dixo, dixo o lobo:

- *¡Ah carallo!, esta, estáia apallizando, como me apallizou a min.*

E dixo o zorro:

- *No, no, paréceme que a está capando.*

E entonces dixo, dixo o tabao:

- *Non ho, véxollo eu mellor, estalle metendo unha palla polo cu arriba como a que me meteu a min, ¡carallo!*

3.1.8. Gando testudo

3067 **pantalleira** *adx.* [Vaca] que ten unha boa galladura (cornos grandes e cara ó alto, gallarda). Antes estimábanse moito, agora non. (Ctel1, Gro1).

Boi, testudo; e home, forzudo. (ERG:boi)

O boi, galludo; e o labrego, barbudo. (XMSH:189; ERG:boi) [119]

[119] ERG: *i o labrego.*

O boi, cacholudo; e o faco, cascudo. (VLLM:1,146)
O boi, frontudo; e o cabalo, cascudo. (VLLM:1,146; VS) [120]

3.1.9. Gando forte

3068 **arsilia** *s.f.* Forza ou vigor co que o gando turra do arado ou do carro. (LG).
3069 **cernudo** *adx.* [Boi] forte. Aplícase tamén a persoas e animais. (CP).
3070 **membrudo** *adx.* [Bovino] que é musculoso, forte, que pesa moito. (Ctel1).
3071 **netegallo** *adx.* [Animal] vigoroso e forte. Aplícase tamén ás persoas. *Estar netegallo*. (Piquín).
3072 **termente** *adx.* [Boi] forte, resistente. (VLLM).
3073 **valente** *adx.* [Boi ou vaca] que turra con forza do carro. (Parade.).
3074 **varudo** *adx.* [Animal] que pon vigor e esforzo no traballo no que o utilizamos. ERG escribe *barudo*. (ERG).

O boi, dianteiro; a vaca, traseira. (Viana5)
O boi, por diante; a vaca, por detrás. (Viana5)
O carro non é grande, se as vacas son valentes. (VS4) [121]
Pra labrar os nabos, homes tolos e xatos bravos. (Barcia)

Tomasín e os faces [122]

Este Tomasín de Cabanas estaba un día tamén na feira da Ponte vendendo unha vaca e chufaba nela, dicindo que era moi boa e que podía moitísimo:

- Aínda fumos o outro día a miña Conceución e mais eu cargar no carro dous faces de trigo e a Conceución dábamo e eu, mete que mete, ¡e metinllo todo!

3.1.10. Gando manso

3075 **cabestro 2** *s.m.* Boi manso. (Gud5).
3076 **aluado** *adx.* [Boi] capado e manso, segundo se deduce do contexto do noso informante. *Non todos os touros que se castran quedan con entendemento: os que saen uns excelentes bois alcúmanse de 'aluados'*. (LG).
3077 **dondo** *adx.* [Animal] manso. (ERG).
3078 **mansa 1** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Piñei2, Rama., Salv3).
3079 **mañigón** *adx.* [Animal] moi dócil. (ERG).
3080 **mañigota** *adx.* [Vaca] mansa, dócil. (LG).
3081 **mazairo** *adx.* [Boi] repousado, tranquilo, equilibrado. *O boi que comprei parece moi mazairo*. (Xun2).
3082 **menga** *adx.* [Vaca] mansa. (VLLM).
3083 **moral** *adx.* [Boi] manso, pacienzudo. *É un boi moi moral*. (Xun2).
3084 **panfurreira** *adx.* [Vaca] mansa, dócil. (LG).
3085 **panxurreira** *adx.* [Vaca] mansa. *Cóllea que é mui panjurreira*. (Mestre).
3086 **xagaz** *adx.* [Vaca] moi dócil. (Burón, Vala.).
3087 **manso coma a terra** *loc. adx.* [Boi] moi manso. *O Gallardo é manso coma a terra. O Pisco é máis nervioso* (Grou3).
3088 **ser unha manxupeira** *loc. v.* Ser manso [un animal]. Aplícase tamén ás persoas. (Piquín).

[120] Llópiz recólleo de J. Fernández Losada. Saco ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Boi cornudo, cavalo cascudo* (Chaves); E.: *Buey frontudo, y caballo cascudo* (Correas).
[121] No texto: *s'as vacas*. VS4 explícao así: "O caso é traelo, na casa... vai ben, non é moito ¡nunca é grande!".
[122] XCARXM2:116. O colector explica que o Tomasín, protagonista deste e doutros contos, é un tipo moi popular na comarca da Pontenova, Lugo. Tense por natural de Mazaeda, Neiro, A Fonsagrada. En *Contos de Polavila*, de José Mª López, Alcalá de Henares, 1928, veñen noticias doutro Tomasín da mesma zona se ben, a diferenza deste que podemos catalogar de tonto-listo, aquel é un bruxo que se vale dun libro máxico para armar treboadas, provocar levitacións, enmeigar e causar danos en animais, persoas e facendas.

A becerriña mansa a tódalas vacas de leite mama. (ERG:becerriña)
Becerro manso, mama a súa nai e a outras catro. (ERG:becerro) [123]
Cuxo mansiño de tódolos tetos mama. (VLLM:1,152) [124]
O becerriño manso mama a súa nai e a outras catro. (ERG:mamar) [125]
Xatiña menga a tódalas vacas zuga. (VLLM:1,156) [126]
Xatiño manso zuga á súa nai e mais a outras catro. (VLLM:1,156) [127]
Boi bravo, en terra allea faise manso. (VS) [128]
O boi bravo, en terra allea se fai manso. (VS)
O boi bravo na terra allea faise manso. (ERG:boi) [129]
Ó boi bravo trócalle o eido e vírase manso. (VLLM:1,128) [130]
O boi bravo, trocándolle a terra, é mudado. (VLLM:1,146) [131]
Ó boi bravo trócanlle a terra e vírase manso. (VLLM:1,146) [132]
Do boi manso agarda a pior cornada. (VLLM:1,140) [133]
Nin boi canso nin boi manso. (ERG:boi)
O boi manso na súa corna crez. (VLLM:1,146) [134]
O boi manso nos seus cornos crece. (VLLM:1,146)

Falando de gando manso, presta le-los versos que Crecente Vega titulou *A Teixa i a Gallarda* (16.1.).

3.1.11. Vacas parideiras

3089 **cadaneira** *adx.* [Vaca] que pare normalmente tódolos anos. (ERG, LG).
3092 **millarega** *adx.* [Vaca] parideira. (CP, LG, Piquín).
3093 **millarenga** *adx.* [Vaca] que pare tódolos anos. (XER).
3094 **parideira 3** *adx.* [Vaca] fecunda, que polo regular pare boas crías. (LG, Parade.).
3095 **abarbeitar 1** *v.* Parir [unha vaca] tódolos anos. (Feás-A, Mel1, San.).
3096 **restrebar 1** *v.* Parir dúas veces [unha vaca] no mesmo ano. Eladio Rodríguez, que o escribe con uve, defíneo como "concebir pronto la hembra de cualquier animal. Dícese de las vacas, que todos los años dan cría". (Barcia, ERG, LG, Made., Piquín).
3097 **criar ben** *loc. v.* Producir [unha vaca] bos becerros e sen problemas na xestación. (Lama).

Vaite chuvia, vaite sol
polos campos de Ferrol;
unha vaca parideira
con tres olas de manteiga,
unha pola para pór,
un galo para cantar
e unha porquiña rabela
para facer o xantar. [135]

[123] ERG: *sua*. Lence Santar recólleo así: *Ô qu'é manso vaille ben. Por eso un becerro manso mama n-os tetos da sua nai e mais n-os de outras vacas* (Mondo4:34).
[124] Llópiz: *tódal-os*; define *Cuxo* como *ternerillo mamón*. Recólleo de A. Abelaira (*Folklore de La Capela*).
[125] ERG: *sua*.
[126] Llópiz define *menga* como mansa (Cf. var. *Xatiño manso...*). Cita un refrán latino *Vir oboediens loquetur victoriam* que, no texto orixinal (Proverbios 21,28) ten o senso de *Quen saiba escoitar falará o último*; quere dicir que quen está caladiño ó abrigo do loureiro é moitas veces quen en fin de contas máis proveito tira dunha situación.
[127] Llópiz: *â sua*, recólleo de L. Páramo no Páramo (Sarria).
[128] VS comenta que *En ambiente extraño se procede con mayor moderación que en el propio*, e engade as seguintes equivalencias: P.: *O boi bravo na terra alheia se faz manso* (Chaves), *O boi bravo, mudando a terra, é mudado* (Chaves), E.: *El buey bravo, en tierra ajena se hace manso* (Correas).
[129] Na E. Espasa (s.v. *buey*) comenta *En país extraño se procede con más cordura, moderación y templanza, por faltar el apoyo que se tiene en la patria*.
[130] Llópiz: *Ao*; di que o recolleu de R. Pardo Moure en Monterroso (Lugo).
[131] Llópiz recólleo de J.F. Losada.
[132] Llópiz: *lle trocan* (sic), cremos que erroneamente por *trócanlle*; recólleo de R. Pardo Moure en Monterroso.
[133] Llópiz recólleo en Cabanas do Sor (Viveiro).
[134] Llópiz: *crez* (sic), *sua*; recólleo de Javier Fernández Losada, prof. vet.
[135] Lama2:219, AGA:78, Muros. No texto: *Vai-te, chuvia, vai-te, sol* (AGA); *pol-os, por, 'unha porquiña rabela'* (Muros).

3.1.12. Gando bo de manter

3098 **comedor** *adx.* [Becerro] que come ben e de todo. (Cam2).
3099 **lusmia** *adx.* [Vaca] comedora, que quere comer todo. Consideramos esta denominación unha característica positiva, en canto o bo apetito é indicio de saúde. Pero se esta voz se usar para designar un exceso de voracidade e, polo tanto, alusiva a un animal difícil de conter, sería unha característica negativa. (Piquín).

Boi que come fariña, non cansa. (VLLM:1,134) [136]

3.1.13. Gando pequeno e gordo

3100 **acarrouchado** *adx.* [Animal] pequeno e gordo. (Meira).
3101 **anabarrado** *adx.* [Animal] ancho e de pouca altura. (Barcia).
3102 **atropado** *adx.* [Animal] pequeno e bo de manter. (Made.).
3103 **maragote** *adx.* [Animal] pequeno e gordo. Dise especialmente dun becerro ou porco. (Cha.).
3104 **parreño** *adx.* [Animal] ancho e de pouca altura. Aplícase tamén ás persoas. (Barcia).
3105 **parroño** *adx.* Ver PARREÑO /3104. (Piquín).
3106 **tafurro** *adx.* [Animal ou persoa] pequena e ancha. (Piquín).
3107 **tronchudo** *adx.* [Animal ou neno] baixo e gordo. (Piquín).

3.1.14. Outras características positivas

3108 **garlicho** *adx.* [Animal] espabilado, vivo. Refírese tamén ás persoas. (Xun2).
3109 **te-las cornas pechas** *loc. v.* Presentar [un bovino] as cornas coas puntas non diverxentes, feito que se considera cualidade positiva. *Os bois son moi fermosos e xeitosiños. Teñen as cornas pechas como os touros 'de lidia'.* (Cou3:20).

A vaca e a porca, a máis torta. (VS) [137]
Boi, longo; cabalo, redondo. (ERG:boi)
O boi, peludo; e o cabalo, barrigudo. (ERG:boi)
O cabalo, pando; e o boi, corvado. (ERG:cabalo) [138]

3.2. Características negativas

Dividímolas en cinco grupos. En primeiro lugar, os aspectos negativos máis xenéricos (gando ruín, estreito do recadén, novo –en canto que inexperto-, vello –en canto que débil ou enviciado-). O segundo grupo reúne os defectos máis comúns en canto ó seu manexo diario polo gandeiro (nervioso, indócil, que mosca, que turra, que non se deixa muxir). No terceiro agrupamos defectos posturais ou da verticalidade das patas, que implican problemas na marcha e no traballo (que abren ou cerran no paseo, que tropezan, cos cascos longos ou curtos etc.). O cuarto reúne outros defectos non comprendidos nos anteriores.

O quinto grupo foi o máis difícil de clasificar. Intentamos recoller aquí as características negativas (que comen mal, con problemas na reprodución, gando fraco) que, aínda que estean claramente relacionadas cunha situación patolóxica, non corresponden a ningunha patoloxía concreta.

[136] Llópiz recólleo de J.G.G. (Malvas, Tui 1884).
[137] VS comenta que *No se nos alcanza la razón de esta preferencia*. No texto: *y a* (VS).
[138] ERG: *i o boi*.

3.2.1. Gando ruín, grande e mal feito

Comezamos cun grupo dispar de denominacións despectivas do gando por ser ruín, desmedrado, fraco, cativo; ou que llas aplican cando o califican de desproporcionado, disforme. Incluímos aquí as informacións que nos dan de animais *grandes* pero nas que engaden outros adxectivos descalificativos (*res grande e pousona*, *animal grande e deforme*, *animal grande e mal formado*, *grande e fraco*).

3110 **abázcaro** *s.m. fig. fam.* Animal pequeno. Aplícase tamén ás persoas. (Piquín).

3111 **arnavouco** *s.m.* Animal pequeno por non ter medrado o suficiente. Aplícase tamén ás persoas. Úsase en frases como *pareces un arnavouco; o año é como un arnavouco*. (Xun2).

3112 **calimbornio** *s.m.* Animal grande, fraco e mal conformado. No dicionario de ERG atopamos esta mesma voz pero cun significado máis xeral: "Armatoste, mueble u objeto tosco y de dimensiones desproporcionadas", e no dicionario de Galaxia, baixo a forma *calimborrio* (se é que non se trata dun erro): "Esperpento, persona, animal o cosa notable por su fealdad, desaliño o mala traza. *Espantallo*". Para Rivas Quintas (Lim6) un *calimbornio* é un "moble informe". (Lobi., Lobi2).

3113 **candeón** *s.m.* Res vacúa vella, grande, fraca e mal formada. (Cab.).

3114 **candión 1** *s.m.* Ver CANDEÓN /3113. (Piquín).

3115 **cangallo 1** *s.m.* Res de moi mala calidade. Aplícase tamén á persoa alta e desgarbada. A aplicación no home recollémola de ERQ1:45, Com1 e Vala. (Común).

3116 **cangallo 2** *s.m.* Res grande e pousona. (Goián2, Tabor.).

3117 **canoia** *s.f.* Ver CANOSIA /3119. Aplícase en Xun2 tamén ás mulleres para dicir que son pouco finas e toscas. (Made., Xun2).

3118 **canoria** *s.f.* Ver CANOSIA /3119. (Made.).

3119 **canosia** *s.f.* Res de gando vacún ou cabalar grande, fraca e ruín. (Piquín).

3120 **cazapello** *s.m. fig.* Animal pequeno. Tamén se aplica a persoas. É figurado (realmente é gloto ou grumo que se forma ó mesturar un po con líquido). (Xun2).

3121 **custribazo** *s.m.* Animal fraco, grande e mal formado. (Piquín).

3122 **chabouco** *s.m. fig.* Cousa mal conformada. Tamén se aplica a animais e persoas. *Bota pr'aiquí ise chabouco, esa pedra; Esta muller é un chabouco*. (Xun2).

3123 **furrugallo** *s.m.* Animal [ou planta] que quedou pequeno. (Xun2).

3124 **lleque** *s.m.* Animal [ou persoa] que quedou pequena, que é de corpo ruín. (Piquín).

3125 **matugán** *s.m.* Animal [ou persoa] mal conformado. (Carba1).

3126 **maula** *s.f.* Gando ruín. Aplícase sobre todo ó que ten mala venda na feira. (VLLM).

3127 **mouquelo** *s.m.* Res pequena vacúa ou lanar. (Piquín).

3128 **peloura** *s.f.* Vaca grande e pousona. (Lava.).

3129 **rastro** *s.m.* A nosa fonte defínea como "vaca grande e pousona". (Nive).

3130 **resura** *s.m/f.* Persoa ou animal desmedrado, retrasado no seu medrío. (Lan.).

3131 **vacaza** *s.f.* Vaca grande e pousona. (Arme.).

3132 **vacón** *s.m.* Vaca grande e pousona. (Tab1, Val-LE).

3133 **vaquelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Vaca de raza marela, de pequena talla, que vive en pastoreo permanente no Cuadramón ou na Corda de Neda. *No se puede comparar una vaca de los municipios próximos a Lugo, inscritas en el L.G., con una vaca en pastoreo permanente en O Cuadramón o en A Corda de Neda, donde las vacas rubias son tan pequeñas que las llaman 'vaquelos'* (PIH:203). Clasificámolo como característica negativa porque nestas zonas non se crían exemplares pertencentes a razas rústicas, como a cachena, que son pequenas en por si, sen que iso signifique retraso no desenvolvemento. (PIH).

3134 **vaca arnau** *s.comp.f.* Vaca fea e mal feita. Supoñemos que por semellanza co toxo e mailo lagarto de grandes dimensións. (PAre1).

3135 **vaca moi morta** *s.comp.f.* Vaca grande e pousona. (Meira2).

3136 **baldragoa** *adx.* [Vaca] con barriga grande e mal feita. (Piquín).

3137 **bandougo 3** *adx.* [Animal] de barriga grande. (Piquín).

3138 **bandouvo 2** *adx.* [Animal] de barriga grande. A nosa fonte di *bandoubo* pero relacionámolo con *bandolfo*. (Piquín).

3139 **bazoucón** *adx.* [Animal ou persoa] de andar bruto e pesado. (Piquín).

3140 **cadapoiro 2** *adx.* Ver CADOUPÓN /3142. (Made.).

3141 **cadoupo 2** *adx.* Ver CADOUPÓN /3142. (Piquín).

3142 **cadoupón** *adx.* [Animal ou persoa] grande e mal formado. (Piquín).

3143 **cadramón** *adx.* [Animal ou persoa] grande e deforme. (Piquín).

3144 **calamán** *adx.* [Animal] grande e fraco. Dise tamén das persoas. (Alva.).

3145 **calandrón** *adx.* [Animal] vello e deforme. (More.).

3146 **canapoiro** *adx.* Ver CADOUPÓN /3142. (Made., Piquín).

3147 **candoira** *adx.* [Vaca] ruín. (Piquín).

3148 **candonga** *adx.* [Vaca] mal feita de corpo. Aplícase tamén a persoas. (Piquín).
3149 **candorga** *adx.* [Vaca] grande, fraca e mal feita. Aplícase ós animais en xeral. (Piquín).
3150 **candorpa** *adx.* Ver CANDORGA /3149. (Piquín).
3151 **cangalla 8** *adx.* [Vaca] ruín. (Arc2).
3152 **cangalleira 4** *adx.* [Vaca] ruín. (Común).
3153 **cangarexa** *adx.* [Res] fraca e ruín. (Piquín).
3154 **cangorcio** *adx.* [Animal] mal feito, desproporcionado. Por extensión tamén se fala de xente *cangorcia*. (Xun2).
3155 **canorcio** *adx.* [Animal] desproporcionado, mal conformado. Aplícase tamén á xente. (Xun2).
3156 **carracho 3** *adx.* [Boi] ruín, fraco, sucio. (VLLM).
3157 **carrán** *adx.* Ver CARRACHO 3 /3156. (VLLM).
3158 **carroucho 2** *adx.* [Animal, persoa ou planta] que non medrou. Úsase moito o diminutivo *carrouchiño*. (Cang., Cerd1).
3159 **charneca** *adx.* [Vaca] ruín. (Arc1, Pad1).
3160 **charnela** *adx.* [Vaca] ruín. (Ced.).
3161 **deslanzado** *adx.* [Animal ou persoa] grande e mal formado. (Meira).
3162 **desvougado** *adx.* [Animal] coa barriga caída. (Piquín).
3163 **desvouguado** *adx.* Ver DESVOUGADO /3162. (Piquín).
3164 **desvouvado** *adx.* Ver DESVOUGADO /3162. Aníbal Otero lematiza, neste caso, *desboubado*, mentres que noutras entradas da mesma familia o fai como *desvougado* e *esvougado*. (Piquín).
3165 **esbandallado** *adx.* [Vacún] que é longo, ancho e faldudo. (Piquín).
3166 **esbandougado** *adx.* [Animal ou persoa] de barriga grande e caída. (Piquín).
3167 **esbandouvado** *adx.* Ver ESBANDOUGADO /3166. Aníbal Otero lematiza *esbandoubado*. (Piquín).
3168 **esburriado** *adx.* [Animal ou persoa] de barriga grande. (Piquín).
3169 **escalandrado** *adx.* [Animal] desfeito e arruinado. Dise tamén dun edificio, dun aparello de labranza, coma un carro, da roupa etc. (Piquín).
3170 **escambeirado** *adx.* [Animal ou persoa] seca e grande. (Barcia).
3171 **escompreixado** *adx.* Mal conformado. (Xun2).
3172 **esfarchocado** *adx.* [Animal] mal feito de corpo. Dise tamén das persoas. (Piquín).
3173 **esvougado** *adx.* Ver DESVOUGADO /3162. (Piquín).
3174 **esvouguado** *adx.* Ver DESVOUGADO /3162. (Piquín).
3175 **farreiro** *adx.* [Animal] ruín, que non vale nada. *Trás unha pucha ben farreira* (que en rigor tamén se podería referir á gorra). (ERG).
3176 **floxa** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Rus).
3177 **fopeiro** *adx.* [Persoa ou animal] grande e frouxo. (Pes.).
3178 **fuliqueiro** *adx.* [Animal] con moito ventre. (Burón).
3179 **galgueñón** *adx.* [Animal] grande e delgado. Tamén se di das persoas. (Piquín).
3180 **gañouto** *adx.* [Animal] grande, fraco e desgarbado. Dise tamén das persoas. (Piquín).
3181 **garouto 1** *adx.* [Animal] alto, seco e de feitío descompasado. Dise tamén da xente. (Piquín).
3182 **garouto 2** *adx.* [Res vacúa] mal feita e cos cornos grandes. (Martín).
3183 **gurrión** *adx.* [Animal] pequeno e sucio. (Piquín).
3184 **lacaceira** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Oroso2).
3185 **laceiro** *adx.* [Animal] fraco, sucio. (Xun2).
3186 **landrasa** *adx.* [Vaca] grande, mal feita, desgarbada. Recibe este nome por comparación cos porcos da raza Landrace. (CLam2).
3187 **loreña** *adx.* [Vaca ou besta] ruín. (Piquín).
3188 **mastragueirón** *adx.* Ver MASTRUGUEIRÓN /3189. (Barcia).
3189 **mastrugueirón** *adx.* [Animal] gordo ou pesado. Dise tamén das persoas. (Piquín).
3190 **matungo** *adx.* [Animal, persoa ou cousa] mal feita, tosca ou pesada. (Piquín, Piquín2).
3191 **maturrango** *adx.* Ver MATUNGO /3190. (Piquín).
3192 **maula** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Damil).
3193 **mazorra** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Laiosa).
3194 **morlango** *adx.* [Animal ou persoa] torpe ou pesada. (Piquín).
3195 **mouleira** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Mosen.).
3196 **moulona** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Negr2, Santi.).
3197 **muntuxa** *adx.* [Vaca] de pouca calidade. *Pero o compadre arrieiro díxolle que lle xogaba a mula grande contra a vaca muntuxa e despóis volvéronse pra casa*. (FINGOI:49).
3198 **nozguello** *adx.* [Animal ou persoa] pequena. (Piquín).
3199 **pandorca** *adx.* [Vaca ou animal] grande e mal feito. Tamén muller gorda e desastrada. (Cani., ERQ2, Piquín).
3200 **pandorria** *adx.* [Vaca ou muller] grande e mal feita de barriga ou gorda. (Piquín).
3201 **parada 2** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Baíñas, Mondo2, Vxoán).
3202 **parmada** *adx.* [Vaca] grande e pousona. É un caso de rotacismo por *pasmada*. (Pre.).
3203 **pastrana** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Viso1).
3204 **patela 3** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Nive.).
3205 **pirguiceira** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Santi.).
3206 **querqueñán** *adx.* [Animal ou persoa] de corpo torto ou pequeno. (Piquín).
3207 **remoulona** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Vixoán).
3208 **sarra** *adx.* Ver ZORRA 3 /3215. (Oroso2).
3209 **serodo** *adx.* [Animal, persoa ou froito] pequeno e débil. (Piquín).
3210 **sorra** *adx.* Ver ZORRA 3 /3215. (Agro., Casal., Covas, Dum.).

3211 **taramoco** *adx.* [Animal ou persoa] de disforme gordura. (Piquín).
3212 **tarolo** *adx.* [Boi] pequeno e ruín. Llópiz defíneo como "boyaco rebajuelo". (VLLM).
3213 **xoubelo** *adx.* [Animal vacún] de pouco medrío. (ERQ).
3214 **zampeiro** *adx.* [Animal ou persoa] pesada e torpe. (Piquín).
3215 **zorra 3** *adx.* [Vaca] grande e lenta. (Arzúa2, Ben., Caa., Cab., Carde., Consta., Dum., Medín, Nove., PSil, Rábade, Suevos, Vala.).
3216 ***blanda** *adx.* [Vaca] grande e pousona. (Sabu3).
3217 **estar como un mastre** *loc. v.* Estar [un animal] moi gordo, pesado e torpe. *Tanto come que xa está como un mastre. Pesa como un mastre*. A nosa fonte dá como lema *mastre*. (Parade.).
3218 **non moverse** *loc. v.* Ser grande e pousona [unha vaca]. (Morai.).
3219 **parecer un esparaván** *loc. v.* Ser [unha persoa ou animal] seco e desamañado. Tamén se aplica a un terreo pendente e escabroso. (Barcia).
3220 **parecer un paramán** *loc. v.* Ser alto e gordo [unha persoa ou animal]. (Meira3).
3221 **parecer unha carracuca** *loc. v.* Ser pequeno [un animal ou persoa]. A nosa fonte dá como lema *carracuca*. (Piquín).
3222 **ser un canastro** *loc. v. fig.* Ser [unha vaca] grande e pousona. (Tabor.).
3223 **ser un colgador** *loc. v.* Ser [unha vaca] tan ruín que só vale para colgármo-la roupa nos cornos dela. (Cato.).
3224 **ser un xirigonzas** *loc. v.* Ser [un animal ou persoa] delgada e desgarbada. A nosa fonte dá o lema *jirigonzas*. (Piquín).
3225 **ser unha alboia** *loc. v.* Ser [unha vaca] mal feita e con moita barriga. *¡Vaia unha alboia que é esta vaca!*. A nosa fonte dá como lema *alboia*. (Meira).
3226 **ser unha chambra** *loc. v.* Ser [un animal] vello, fraco e mal feito. A nosa fonte recolle como lema *chambra*. (Lagoa).

Ver tamén no apart. 3.2.5. *Becerros ruíns*: *Boi cativeiro todo é corna* e paralelos.
A gado fraco, cómeo o moscardo. (VLLM:2,79) [139]
Ó mal gado pápao o moscardo. (VLLM:2,79) [140]
Ao boi carracho non lle falta argabazo. (VLLM:1,128) [141]
De Arroxo, nin gado nin xente nin trigo pa semente. (PRIVAS)
De Arroxo, nin gado nin xente, que aínda os cochos roen as portas. (PRIVAS)
De Arroxo, nin gado nin xente, que hastra os cochos traban as portas. (Mondo4:37; VS)
De Arroxo, nin gado nin xente, que ata os cochos roen as portas. (ANV1:100; VS; XAB1:36; XTC4) [142]
En gando ruín non hai en que escoller. (VD:135) [143]
En ruín gando pouco hai que escoller. (JASA:313; JASA2:366; JASA3:221; UCA2:36; EAG:15; VLLM:2,87; ZM:98; VS) [144]
En tan ruín gando ¡hai tan pouco que escoller! (An16c) [145]
Entre ruín gando pouco terás que escoller. (ERG:gando; VS)
Intre gado cativo pouco hai que escoller. (VLLM:2,88) [146]
Ruín gando, pouco ten que escoller. (XFV:45; VS) [147]

[139] Llópiz: *o come*; explica que *moscardo* é a mosca equina, que debe se-lo tabán. Recólleo de E. Puga (*Refr. de Curtis y Vilasantar*).
[140] Llópiz recólleo en Vilasantar.
[141] Boi *carracho* ou *carrán* é un *buey ruín, flaco y sucio*; *argabazo* son *cazcarrias pegadas a las ancas de las reses ovinas y vacunas*.
[142] ANV1 e VS: *D'Arroxo, hastra*; XAB1: *hastra*; XTC4: *D'Arroxo, qu'hast'os cochos*. Hai sete Arroxos en Lugo: en Baralla, Becerreá, Bóveda, A Fonsagrada, Lourenzá, Samos e Sober. Llópiz recolle un refrán que fala das *leiteiriñas de Arroxo* e di que é lugar de Mondoñedo e próximo a el, polo que supoñemos que o refrán fala do lugar de Arroxo da parroquia de Santa María de Lourenzá, concello de Lourenzá. No refrán anterior, P. Rivas explica que, aínda que este Arroxo é aldea de Mondoñedo, a frase pode aplicarse a calquera outra localidade; escríbeo entre admiracións.
[143] *O parvo que non se quería por a mal con ningún* [cura] *respondeu: -Bó, bó, señor abade, en gando ruin non lle hai onde escoller* (VD:351).
[144] No texto: *hay* (UCA2); *ruin*, *que'escoller* (sic) que parece errata por *qu'escoller* (JASA); *ruin, qu'escoller* (JASA2); *ruin* (EAG). VS ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Em ruim gado não há que escolher* (Chaves), E.: *En ruín ganado, poco hay que escoger* (Correas).
[145] No texto: *ruin, hay, qu'escoller*. Véxase no capítulo 16. *A vaca na literatura* o poema anónimo *Ben dito* que conclúe con este refrán.
[146] Llópiz recólleo no Páramo onda Sarria.
[147] VS comenta que *se aplica figuradamente a persoas o cosas que, siendo de mala calidad para el fin que se pretende, ninguna merece preferencia*, e engade as seguintes equivalencias: P.: *Gado ruim, não tem desvio* (Chaves), E.: *Entre ruín ganado, poco hay que escoger* (Sbarbi).

Ó boi maldito relócelle o coiro. (VLLM:1,129) [148]
Ó boi malo relócelle o pelo. (ERG:boi)
O boi ruín escórnase folgando. (ERG:boi) [149]
O boi ruín na corte se manca. (VLLM:1,147)
O boi ruín, nin folgando se descorna. (ERG:boi)
O ruín boi descórnase folgando. (ERG:ruín)
O ruín boi folgando na corte s'esmouca. (VLLM:1,150) [150]
O ruín boi máncase na corte. (VLLM:1,147) [151]
O ruín boi na corte folgando s'esmanca. (VLLM:1,150) [152]
Ó mal gado léveo o diaño. (VLLM:2,90) [153]
Ó mal gado léveo o trasno. (VLLM:2,90) [154]

3.2.2. Gando vello

Neste grupo de voces, o calificativo de *vello* si que representa un claro carácter negativo. Recollemos aquí as denominacións que se aplican a aqueles animais vellos que xa non serven para o traballo. Moi probablemente, tamén se inclúan animais debilitados por unha mala alimentación, un traballo excesivo ou algunha enfermidade crónica, máis que como consecuencia da idade.

3227 **callostro** *s.m.* Animal moi vello e delgado. (Hermi.).
3228 **candorco** *s.m.* Bovino vello, fraco e con trazas de enfermo. (FA).
3229 **froia** *s.f.* Vaca vella. En Forcarei ten ademais o significado traslaticio de persoa que se comporta de maneira ranfona, pesada, que por nugalla está decote sentado ou deitado (Forc5:34). Na estrema entre os concellos de Forcarei e A Lama hai a tradición dunha *feira das vacas vellas* tamén coñecida como *feira da Santa Mariña* ou *feira das froias*, onde a palabra *froia* vive como sinónimo de "vaca vella" e tamén se coñece a expresión *¡Vante levar prá feira das froias!* (Beariz2). (Beariz2, Forc5).
3230 **cadapoiro 1** *adx.* [Animal] vello e fraco. (Made.).
3231 **cadoupo 1** *adx.* [Animal] vello e fraco. (Piquín).
3232 **calandroiro** *adx.* [Animal] vello e fraco. (Cani., Made).
3233 **cambieito** *adx.* [Animal] fraco e vello. (Piquín).
3234 **caroco** *adx.* [Animal, persoa ou árbore] maltreito, vello e consumido. (Piquín).
3235 **escambreirado** *adx.* [Animal ou persoa] vello e acabado. (Martín).
3235b **esfrocada** *adx.* Ver ESFROIADA /3235c. *Está moi esfrocada, logo vai parir*. (Parade.).
3235c **esfroiada** *adx.* [Vaca] á que lle sobresaen os ósos e se lle marcan os vougos, como consecuencia do preñazo ou vellez. *A vaca vai mui esfroiada, porque xa pariu moitas veces*. (Parade.).
3236 **manigote** *adx.* [Animal] carral, vello, achacoso. (Acevo).
3237 **talismao** *adx.* [Animal] vello e decrépito. (Piquín).
3238 **engrubiñarse** *v.* Curvarse [unha persoa ou un animal] a causa da vellez ou enfermidade. (SCilla).

Boi que está moi traballado, non che sirve para o banco. (UCA2:41; VS) [155]
Boi que vai/está moi traballado, non che val pra o banco. (VLLM:1,135) [156]

---

[148] Llópiz: *, lle reloz o coiro*. Di que xa figura na colección de Pedro Vallés de 1549. A E. Espasa comenta así o equivalente cast.: *los malos deseos del contrario ó enemigo suelen salir vanos, y á veces, resultan en provecho del sujeto contra quien se tienen*.

[149] Díselle ós que aparentan cansar (ou mesmo cansan) por pouca cousa.

[150] Llópiz explica que *esmoucarse* é tronzar un corno, escornarse; recólleo de José Mª Quiroga, sacerdote no Porriño.

[151] Llópiz: *se manca* que corriximos por supoñer manipulación na colocación dos pronomes, non infrecuente nel. Recólleo de A. Abelaira. Mancarse é unha palabra moi xenérica que non precisa nin o lugar nin a natureza da mancadura. Llópiz coloca este refrán á par doutro que di *s'esmouca* (que ten o valor de partir un corno), de onde parece deducirse que el entendeu *mancarse* como sinónimo de *esmoucarse*. Maiormente cando os dous proceden do mesmo informante (A. Abelaira).

[152] Llópiz recólleo de A. Abelaira; coma en casos anteriores conservámo-lo apóstrofo arcaico por parecernos que así disimula a colocación do pronome; explica que *esmancarse* é *distorsionarse un miembro, quebrarse una extremidad*.

[153] Llópiz explica que a vella de Cospeito que llo transmitiu explicoulle que o refrán di iso porque só o diaño pode facer bo del.

[154] Llópiz: *gâdo*; di que xa está en Bluteau.

[155] Realmente UCA2 (4.06.1908) escribe *esté*; UCA2 e VS: *para o barco*, pero coidamos que *barco* é errata por *banco*. Con todo, debemos lembrar que os bois se utilizaron para arrastrar a terra redes ou barcos nas praias ata mediados do século XX e tamén que Galicia realizou unha importante exportación de gando vacún a Inglaterra por barco no XIX.

[156] Llópiz explica que *banco* é o taboleiro dos matadoiros sobre o que se sacrifican as reses; que a carne dos bois vellos moi traballados resulta de moi mala calidade. Di tamén que o recolle de E. Carré Aldao (*A Nosa Terra* 1908) pero, como se ve na variante anterior, con enmendas.

O boi traballado non val pra o banco. (VLLM:1,147) [157]
Boi vello ó que se lle troca o palleiro, no novo deixa o pelexo. (VLLM:1,136) [158]
Cátalle corte nova ao boi vello, que ele deixará o pelexo. (VLLM:1,138) [159]
O boi cando é vello faise un maulón. (VS) [160]
O boi, canto máis vai, máis malo se fai. (VS) [161]
O boi vello non se chora. (ERG:boi) [162]
Vacas vellas e carros vellos, non é caudal. (VS)

Vinde acá mulleres
rapaces e todo,
vinde ver o dote
que me deu meu sogro.
Unha cabra cega,
un cabrito coxo,
unha vaca vella
e un becerro mono,
unha manta vella
cun remendo novo,
unha arca chea
de pan de centeno.
unha porca grande
e un porco pequeno. [163]

3.2.3. Gando novo

Se anteriormente incluïámo-las denominacións de *gando vello* entre as características positivas, porque facían referencia á habilidade e resistencia no traballo que daba a experiencia, agora seguímo-lo mesmo criterio ó incluí-las denominacións de *gando novo* como característica negativa. Se a experiencia é un grao, a falta de experiencia debe considerarse como un defecto [164]. O traballo co gando, sexa no arado, sexa no carreto, esixe unha adaptación, esixe afacerse ó xugo e a obedece-las ordes e indicacións do labrego. Os exemplares novos que aínda non desenvolveron estas virtudes reciben, por conseguinte, estas calificacións negativas. Véxase o que conta Ctel1 en 9.4.4.1.

Bois novos, rego/sulco torto. (VLLM:1,150) [165]
Parella nova, embelga torta. (VLLM:1,150) [166]
Parella vella con canga nova, embelga torta; e si nova a parella, nin torta nin dereita. (VLLM:1,151) [167]
Parella vella con canga nova, embelga torta; e, se nova, nin dreita nin torta. (VLLM:1,151) [168]
Parella vella con xugo novo, tira o rego torto e parella nova con xugo vello, nin torto nin dereito. (VLLM:1,151) [169]

[157] Llópiz*: pra-o;* recólleo no Porriño; explica que a carne do boi que é vello e que traballou moito é moi negra e durísima; *banco* é o mesmo que *macelo* ou *mallón*, lugar reservado nos matadoiros para coloca-la res que se vai sacrificar.

[158] Llópiz explica que ós animais domésticos, cando son vellos, non é ben cambiárlle-los andares (*adoitos*) porque se axeitan mal ós novos xeitos: boa metáfora dos perigos do desarraigo; recólleo en Abadín (Lugo). Na Enciclopedia Espasa explícase que non é ben para os vellos cambiar de clima e de alimentación, porque expoñen así a súa vida e saúde. Eladio Rodríguez dános esta variante: *A burro vello, múdalle o alimento e darache o pelexo* (ERG:burro).

[159] Llópiz: *qu'ele*; recólleo en Mondoñedo.

[160] VS nun dos mss. escribe *un moulón.*

[161] Este refrán lembra aquilo de *¡Xesús, María e Xosé: canto máis vai pior é!* Non excluímos que este refrán aluda a que un exceso de cubricións acaba deteriorando a capacidade reprodutora do animal.

[162] Este refrán e os seus similares contradín outro tema do refraneiro que é a vellez dos bois como característica positiva, porque teñen unha experiencia e habilidade que supera dificultades que os bois novos non dan superado.

[163] Coto2:107.

[164] Todos sabemos que este xuízo de valor se aplica tamén á xente e, xa que falamos do gando, tamén o vemos referido ó labrego: *Labradores novos, mal polas silveiras* (Carte.), *malos prás silveiras* (XMSH); *Labradores novos, mal polos comareiros* (XMSH, AdC, EAG, PdM, MNV2, ZM); *Labradores novos, o millo polas xesteiras* (ZM).

[165] Llópiz *sulco* (sic); di que se contrapón a *Boi vello, suco dereito*.

[166] Recólleo en Arbo.

[167] VLLM: *envelga*; recólleo de E. Núñez Sarmiento. Nótese o quiasmo *Parella vella... nova a parella*.

[168] VLLM: *envelga*; explica que o refrán aconsella non lle andar trocando o xugo ós bois que xa están afeitos a un: os bois vellos aínda se axeitarán pero unha parella nova non (por iso di que non fará rego dereito nin torto). Recólleo en Lugo (1905).

[169] Llópiz recólleo do párroco de San Cristovo de Martín (Lugo), A. González.

3.2.4. Vacas estreitas do terzo posterior

3239 **aguzada** *adx.* [Vaca] de cadeira estreita. (San.).
3240 **escapada** *adx.* [Vaca] estreita do terzo posterior. (Mra.).
3241 **fina 2** *adx.* [Vaca] estreita do terzo posterior. (Ctel1).
3242 **fusilera** *adx.* [Vaca] estreita do terzo posterior. (Arc1).
3243 **ser estreita ó lombo** *loc. v.* Ser [unha vaca] estreita do terzo posterior. *Ti tés dúas vacas boas/ qu'eu tamén o hei falare/ pro seghún teñ'entendido/ sei que non es moi leitare/ moito leite non o dan/ son moi estreitas ó lombo/ hai pro pra mantert'a ti/ penso qu'han de dar abondo*.... (SCHU5/2/26).
3244 **ter cu de home casado** *loc. v.* Ser [unha vaca] estreita do terzo posterior. O noso informante (Gro2) explica que, como os homes casados empuxan moito, van quedando sen cu, o mesmo cós bois. (Gro2, Valga).
3245 **ter cu de polo** *loc. v.* Ser [unha vaca] estreita do terzo posterior. (Meaño3, Simes).

Vaca enconecheira, boa cría á beira. (Salv2) [170]

3.2.5. Becerros ruíns

3246 **acheite 2** *s.m.* Cría pequena de gando. Tamén temos recollido *acheite* simplemente como becerro, sen ningún matiz (LG). (Adelán).
3247 **gorrobello** *s.m.* Animal que non medrou, que quedou pequeno ou engorrobellado (engurrado). (ERG).
3248 **gorrombiallo** *s.m* Animal [persoa, árbore ou froito] que quedou pequeno. (Barcia).
3249 **gorronfello** *s.m.* Ver GORROBELLO /3247. (Barcia).
3250 **gurrubello** *s.m.* Ver GORROBELLO /3247. (Caban.).
3251 **reiporco** *s.m.* Animal doméstico que medra pouco e queda cativo. (Cospe.).
3252 **xato 4** *s.m.* Becerro raquítico. (Burela1).
3253 **xatorín** *s.m.* Becerro raquítico. Aínda sendo un diminutivo, dámoslle entrada como lema por ser unha forma pouco frecuente. Supoñemos que, tendo o sufixo *-in* debe ser da zona nordeste de Meira, cara a Riotorto e A Pontenova, onde ese sufixo substitúe o máis estendido *-iño*. A información dánola o lingüista Paulino Novo. (Meira2).
3254 **abouxado** *adx.* [Animal ou persoa] que non medra nin engorda e queda ruín. (LG, Rib1).
3255 **acañado** *adx.* [Gando] de pouco medrío pola fame ou por outra causa. Adoitan te-lo pelo arripiado (levantado). (Parade.).
3256 **afamado** *adx.* [Becerro] raquítico. (Arzón).
3257 **afamucado** *adx.* [Becerro] raquítico. (Morai.).
3258 **agurrumiado** *adx.* [Animal ou planta] que non medra. (Carba1).
3259 **amiseirado** *adx.* [Becerro] raquítico. (Fol-LE).
3260 **amorniado** *adx.* [Animal] desmedrado ou que parou de medrar. Tamén se aplica ás plantas. (Piquín).
3261 **amuxarañado** *adx.* [Becerro] raquítico. (Valad1).
3262 **anafagado** *adx.* [Becerro] raquítico. (PSil).
3263 **anano** *adx.* [Becerro] raquítico. (Antas3, Enxames, Negral, Pedro., Sabu3, Valad1, Valad2).
3264 **anicoso** *adx.* [Becerro] raquítico. (Rama.).
3265 **anoado** *adx.* [Becerro] raquítico. En Hermi. aplícase a todo o que non medra, incluídas persoas. (Hermi., Morga.).
3266 **buticario** *adx. desp.* [Becerro] ruín. (Pantón).
3267 **cativeiro 2** *adx.* Ver CATIVO 1 /3268. ERG recolle tamén *cativeiro* como substantivo, co significado de "raquitismo, miseria fisiológica, falta de desarrollo". (Burela1, Vala1).
3268 **cativo 1** *adx.* [Becerro] raquítico. Tamén é moi utilizado o diminutivo *cativiño*. (Abe., Anca, Arca, Baíñas, Cabal., Calo, Carr-C, Covas, CTui, Damil, Dum., Figue2, Gaxate, Lava., Meir., Negr2, Ortoño, Ribe2, SComba, Verdía, Viso1, Viso2, Vxoán).
3269 **catuxo** *adx.* [Becerro] raquítico. (Tab1).
3270 **corneteiro** *adx.* [Becerro] feo, que non promete para a cría e que se compra entre dous veciños para a festa. (Grixó).
3271 **cuano** *adx.* [Becerro] raquítico. (Ram.).
3272 **delgadeiro** *adx.* [Becerro] raquítico. (Alence).
3273 **encanetado** *adx.* [Becerro] raquítico. (Vala.).
3274 **encativado** *adx.* Ver CATIVO 1 /3268. (TapiaC).
3275 **encucado** *adx.* [Becerro] raquítico. Lémbrese que dun becerro estreito do terzo posterior dise en Sofán que *ten cu de cuco*. (Suevos).
3276 **engorrobellado** *adx.* [Animal] que quedou cativo, fraco, desmedrado. Dise de persoas, animais ou árbores que quedaron raquíticos. (ERG).
3277 **ensapado** *adx.* [Becerro] raquítico, ruín, que non medrou. (Nive.).

[170] No texto: *a beira*.

3278 **ensapellado** *adx.* Ver ENSAPADO /3277. (LG).
3279 **escuchimizado** *adx.* [Becerro] ruín, que non medrou. (LG).
3280 **esfameado** *adx.* [Animal] famento, raquítico. Aplícase a un becerro raquítico. (Cal., Fri.).
3281 **esfamelgado** *adx.* Ver ESFAMEADO /3280. (Sisto).
3282 **esfamiado** *adx.* Ver ESFAMEADO /3280. (Burón, Com1, Feás-A, Gun., Sob., Suarna).
3283 **esfamiau** *adx.* Ver ESFAMEADO /3280. (Conxo).
3284 **esmirriado** *adx.* [Becerro] raquítico. (Nove2).
3285 **estreito 2** *adx.* [Becerro] raquítico. (Pravio).
3286 **facareño** *adx.* [Persoa ou animal] feo, pequeno e delgado. (Barcia).
3287 **farracañeiro** *adx.* [Animal] ruín. Dise especialmente das ovellas e becerros. (Ful.).
3288 **feminino** *adx.* [Animal, froito] raquítico, pouco desenvolvido. (LP).
3289 **froxo** *adx.* [Becerro] raquítico. (Fuxás).
3290 **fureliño** *adx.* [Becerro] raquítico. (Piñor).
3291 **mermello** *adx.* [Animal] pequeno e ruín. (Alva.).
3292 **merreño** *adx.* [Animal ou planta] pequeno, cativo. (Parade.).
3293 **mirrado** *adx.* [Becerro] raquítico. (Saiar).
3294 **miúdo 1** *adx.* [Becerro] raquítico. Tamén é moi utilizado o diminutivo *miudiño*. (Agro., Callo., Carb3, Lañas, Lestón, Macei., Noice., Piñor, SComba).
3295 **pequeno** *adx.* [Becerro] raquítico. Tamén é moi utilizado o diminutivo *pequeniño*.Cerd2. utiliza a forma *pequerrecho*. (Alla2, Busta., Cerd2, Couce., Fózara, Laxosa, Lous., Oroso1, Rendal, Rib-E, Taboa.).
3296 **puchiño** *adx.* [Becerro] raquítico. (Noalla).
3297 **raión** *adx.* [Becerro] pequeno, que medrou pouco, raquítico. Aplícase tamén ás persoas. ¿Aludirá ó peixe denominado *raión* (*Raja radiata*) ou a *rañón*, tacaño, de Burón e Suarna? (Ben., Lagoa).
3298 **recoteno** *adx.* [Animal] moi pequeno para a idade que ten. (Mez3).
3299 **refeño** *adx.* [Animal] pequeno, de mala casta, que non medra nin engorda. (ERG).
3300 **refughado** *adx.* [Becerro] raquítico. A nosa fonte escribe *refujado*. (Pre.).
3301 **reigallo** *adx. desp.* [Animal] pequeno e ruín. (Alva.).
3302 **remelión** *adx.* [Animal] ruín, que medra pouco. (Piquín).
3303 **ruín 1** *adx.* [Becerro] raquítico. Tamén é moi utilizado o diminutivo *ruinciño*. A nosa fonte en Santi. escribe realmente *rúm*. (Alla2, Callo., Consta., Fara., Gud., Guil2, Lendo, Piñor, PSeca, PSil, Ribad., Ribó, Santi., Sende.).
3304 **ruinceiro** *adx.* Ver RUÍN 1 /3303. (Crendes).
3305 **ruíño** *adx.* Ver RUÍN 1 /3303. (Ben.).
3306 **serodio** *adx.* [Becerro] raquítico. (Baltar, Oroso1, VFrore., Vixoán).
3307 **sorodio** *adx.* [Becerro] raquítico. (Carño2).
3308 **toupelo** *adx.* [Animal] pequeno. (Barcia).
3309 ***enano 1** *adx.* Ver ANANO /3263. (Boi., Buga-N, Carde., Ces., Corre., Fre., Gui., Penela).
3310 ***flaco 1** *adx.* [Becerro] raquítico. (Poulo, Vviño).
3311 ***menudo** *adx.* Ver MIÚDO 1 /3294. (Buga-A, Mondo2).
3312 **acernar** *v.* Desmedrar ou deixar de medrar [os animais ou as plantas]. (Piquín).
3313 **acoudar** *v.* Parar de medrar. Dise tanto de persoas, como animais ou plantas. (Xun2).
3314 **anafegarse** *v.* Quedar anano [un animal ou persoa], non medrar máis, arruinarse. (Xun2).
3315 **ananarse** *v.* Deixar de medrar [un animal ou persoa], quedar anano. (Xun2).
3316 **atroxar** *v.* Retrasarse [un animal] no seu desenvolvemento. (LP2).
3317 **engorrobellarse** *v.* Estancarse [unha persoa, animal ou árbore] nas medras, quedar gorrobellos. (ERG).
3318 **criar pouco** *loc. v.* Non medrar [un becerro], ser raquítico. (Piñe.).
3319 **estar mal empeouzado** *loc. v.* Non medrar [un neno ou animal]. (Meira3).
3320 **non darse** *loc. v.* Non medrar. A nosa fonte escribe *cucho que non se da*. (Couce.).
3321 **ser un anaxe** *loc. v.* Ser [un animal ou persoa] pequeno de máis para o seu tipo dominante. (LG, Rosal).
3322 **ser un anázcaro** *loc. v.* Ser [un meniño ou cría de animal] pequena de máis. LG aplícao concretamente a un becerro ruín, que non medrou. A nosa fonte fala de "anázcaro". (LG, Piquín).
3323 **ser un názcaro** *loc. v.* Ver SER UN ANÁZCARO /3322. (LG).

Becerro de herba, becerro de merda. (Grou) [171]
Boi cativeiro, todo é corna. (VLLM:1,134) [172]
Boi cativo en cornos crece. (VG:7.6.86)
Boi pequeno, corna larga. (SCD:16)
Boi pequeno en corno carga. (Grou)

[171] Por eufemismo: *becerro de m.*
[172] Cita a Noriega Varela (Ribadeo 1946).

Boi pequeno en cornos crece. (ZM:47; VS) [173]
Boi pequeno en cornos media. (Xinzo2) [174]
Boi pequeno en hasta pon. (Antas4)
Boi pequeno, todo é corna. (ERG:boi; VLLM:1,134; UCA2:39)
Boi ruín en cornas medra. (XTC4) [175]
Boi tarolo, todo o bota en cornos. (VLLM:1,136) [176]
En boi ruín cornos crecen. (XLF2:33)
O boi ruín crece en cornos. (ERG:boi) [177]
O boi ruín en corno medra. (VS)
Vaca cativa todo o bota en cornos. (VLLM:1,155) [178]
Vaca pequena toda é cornamenta. (VLLM:1,155) [179]
Vaca pequena todo lle é cornamenta. (VLLM:1,155) [180]
Gado cativeiro, de carrachos cheo. (VLLM:2,79)
Gado cativeiro, sempre carracheiro. (VLLM:2,79)
Gado cativo todo é carrachas. (VLLM:2,79) [181]
Gado pequeno, todo é carracheiro. (VLLM:2,79)
O boi cativeiro na corte s'esmouca. (VLLM:1,147) [182]
O boi cativo folgando s'esmouca. (VLLM:1,146) [183]

3.2.6. Becerros estreitos do terzo posterior

3324 **agulla** *s.m. fig.* Becerro estreito do terzo posterior. Esta denominación é claramente comparativa da súa estreitez. (Nove2).

3325 **parafuso** *s.m. fig.* Becerro estreito do terzo posterior. (Sende.).

3326 **pighón** *s.?* Becerro estreito do terzo posterior. ¿El será aférese de *espigón*, aludindo a forma estreita da parte inferior da espiga? A nosa fonte escribe *pijón*. (Negr2).

3327 **becerro con cu de subiote** *s.comp.m.* Becerro estreito do terzo posterior. Ver CU DE SUBIOTE /3336. (Gui.).

3328 **becerro de cadrís estreitos** *s.comp.m.* Becerro estreito do terzo posterior. (Sofán).

3329 **becerro de cu aguzado** *s.comp.m.* Becerro estreito do terzo posterior. (Negral).

3330 **becerro de dous cuadriles** *s.comp.m.* Becerro estreito do terzo posterior. (Caban.).

3331 **becerro de óso estreito** *s.comp.m.* Becerro estreito do terzo posterior. A nosa fonte escribe *de hoso estreito*. (Medín, Noal).

3332 **becerro do cu aghuzado** *s.comp.m.* Ver BECERRO DE CU AGUZADO /3329. A nosa fonte escribe *ajuzado*. (Pedro.).

3333 **becerro do país** *s.comp.m.* A nosa fonte defíneo como "becerro de cadeira estreita". Probablemente non se trate dunha denominación despectiva, negativa, como pode parecer á

[173] VS comenta que *Los mal indolados, al crecer en años, crecen también en sus torcidas inclinaciones*, e noutra papeleta *Las personas de malas inclinaciones, suelen ir creciendo en vicios al par de los años*. Ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Boi manso* (ou *mau*), *em seu corno cresce* (Chaves); E.: *El buey ruín en cuerno crece* (Sbarbi); C.: *El boi chiquet tot o posa en cuernos* (Alberola).

[174] O noso informante explica que, sendo máis ou menos iguais os cornos de tódolos bois, aínda que o volume corporal do boi sexa menor, o refrán quere dicir que un boi, por máis que sexa pequeno, en defensas e en forza iguala ós outros. Esta explicación quere afianza-la existencia desta variante: o noso informante asegura que o refrán en Xinzo corre coa palabra *media* e non *medra*, como cabería supoñer polos paralelos.

[175] XTC4: *ruin*.

[176] Llópiz explica que *boi tarolo* é un *boyaco rebajuelo*; recólleo na estación pecuaria de Vilapedre (Vilalba).

[177] A xente de mala caste vaise facendo máis ruín co paso dos anos.

[178] Llópiz recólleo de Mosquera Feal (*Refranes de Ferrol*) e explica que a estas vacas de moita corna e pouco desenvolvemento chámanlles *gallardas*.

[179] Llópiz: *pequeña toda e* (sic); recólleo de M. Lira (*Val do Tambre*).

[180] Llópiz: *llé* (sic); recólleo na serra de Trabada onda Mondoñedo.

[181] Llópiz recólleo de Leiras Pulpeiro (*B.R.A.G.* VII). Da variante que copiamos de Xaquín Lorenzo pode pensarse que se refire ó gando ovino: *Non precures gado miudo, que todo íl son carrachas* (XLF2:46).

[182] Conservámo-la grafía, neste caso e mais no rf. seguinte, xa que elidindo o e final do pronome parécenos menos irregular a anteposición do pronome átono; recólleo do sacerdote José Mª Quiroga. A E. Espasa comenta o equivalente castelán con estas palabras: *reprende á los que aparentan fatigarse ó se fatigan por poca cosa.* Variante: *O que non ten sorte, na cama se escalabra* (XLF2:54).

[183] Llópiz explica que *esmoucar* é escornarse, quedar mono, perder un corno; recólleo do sacerdote José Mª Quiroga.

primeira vista, senón dunha marca de diferenza, descritiva, dos becerros rubios, do país, fronte ós de razas cárnicas (charolés, limousín, etc.). Ó nacemento, os becerros rubios son máis cadrados, máis angulosos, mentres que os cuóns son máis redondos, máis ampulosos. (Lous.).

3334 **beserro cos cadrís estreitos** *s.comp.m.* Ver BECERRO DE CADRÍS ESTREITOS /3328. (Buga-N).

3335 **cu de grilo** *loc. s.* Terzo posterior moi estreito, característico dos becerros agulleiros. (Saiar).

3336 **cu de subiote** *loc. s.* Ver CU DE GRILO /3335. Ignoramos se esta denominación ten relación cos subiotes ou chiflos feitos polos rapaces de pauciños de ameneiro ós que se lle quita a casca para tallalos e darlle forma de flauta recolocándolle-la casca no sitio ou se alude a unha planta da familia das Criofiláceas. Nos dous lugares nos que se atopa esta denominación (*becerro con cu de subiote*), a palabra *subiote* alude a estas plantas. (Cab., Gui.).

3337 **afiado** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Car2).

3338 **aghullado** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. A nosa fonte escribe *ajullado*. (Negra.).

3339 **aghulleiro** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. A nosa fonte en Lucí escribe *ajuyeiro*. (Anca, Anseán, Cang3, Corb., Eixo, Estr3, Estr4, Lagar., Lava., Leir-A, Lucí, Oliv., Pal., Parga, Poulo, Rabad., Rendal, Vi-Val., Vmaior, Vviño, Xeve).

3340 **aghusado** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. A nosa fonte escribe *ajusado*. (Cruído, Figue1).

3341 **aghuso** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. A nosa fonte escribe *ajuso*. (Morga., Valad1, Vxoán).

3342 **aghuxado** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. A nosa fonte escribe *ajuxado*. (Figue2).

3343 **aghuzado** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. A nosa fonte escribe *ajuzado*. (Caa., Frei., Neda, Santi.).

3344 **aguillado** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. (Medín).

3345 **aguilleiro** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. (Pravio).

3346 **agullado** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. (Baña2, Cast.).

3347 **agulleiro** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Común. Abadín, Antas3, Arroxo, Baltar, Barre., Ben., Boi., Bolo, Burón, Cab., Cabal., Carbal., Ced., Cervá1, Cervá2, Ces., Com1, CTui, Dozón, Dúas, Fre., Mira., Mon., Mondo1, Mondo2, Neves2, Nive., Noalla, Oirán, Penela, Peno., PSeca, Ribe2, Sabu3, Sisto, Suarna, Vala., Vala1, Vilar, Viso1, Viso2, Vixoan., Vnova2, Xudán1).

3348 **agullón** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. (Burela1).

3349 **aguzado 1** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. (Arzón, Caa., Cab., Codeso., Com1, Cubi2, Meir., San., Vala.).

3350 **aguzao** *adx.* Ver AGULLEIRO /3347. (Vill-O).

3351 **anguilado** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Fol-LE).

3352 **anquiacho** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Sisán).

3353 **apretado** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Cur1, Lañas).

3354 **azuzado** *adx.* Ver AGUZADO 1 /3349. (Lendo).

3355 **cativo 2** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Miñor2, Rama., Valad1).

3356 **corriente** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Rábade).

3357 **corvés** *adx.* [Becerro] coa cadeira estreita. (Xun.).

3358 **delghado** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. A nosa fonte escribe *deljado*. (CarbCo., Casal.).

3359 **escolao** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Val-LE).

3360 **escopetero** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Xudán1).

3361 **escopetís** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Aranga).

3362 **escuado** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Gui.).

3363 **espiado** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Mosen.).

3364 **estreito 1** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. Baíñas recolle o diminutivo *estreitiño*. (Arca, Arme., Baíñas, Beman., Buga-A, Burgo, Carb3, Carr-C, Carr-G, Cerd2, Covas, Crendes, CTui, Cunt2, Fara., Fol-C, Fuxás, Grixoa, Lago, Lamas, Macei., Mez., Noice., Oroso1, Oroso2, Ortoño, Pade., Peroxa, Piñei., Rib-S, Ribe1, Suevos, TapiaC, Troán1, Valad2, VFrore.).

3365 **faltreiro** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Arme.).

3366 **fuseiro** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Mon., Santi.).

3367 **ghalegha** *adx.* A nosa fonte escribe *jaleja* e defínea como "becerra de cadeira estreita". Ve-lo comentario a BECERRO DO PAÍS /3333. (Razo).

3368 **louseño** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Pre.).

3369 **malo 2** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Callo.).

3370 **miúdo 2** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Tab1, Teo).

3371 **picudo** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Laiosa).

3372 **ruín 2** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. Vrei. recolle o diminutivo *ruinciño*. (Callo., Chan., Ribó, Taboa., Vrei.).

3373 **sinxelo** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Vmaior).

3374 ***afilado** *adx.* Ver AFIADO /3337. (Abe.).

3375 ***enano 2** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Com4).

3376 ***flaco 2** *adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Cere., Guil2, Zamáns).

3377 ***sinsillo** *adx.* Ver SINXELO /3373. (Cam4).

3378 **aghuzado á cadeira** *loc. adx.* Ver AGULLEIRO /3347. A nosa fonte escribe *ajuzado a cadeira*. (Lestón).
3379 **aguzado d'atrás** *loc. adx.* Ver AGULLEIRO /3347. A nosa fonte escribe *aguzado da tras*. (Gui., Laxosa).
3380 **delgado de atrás** *loc. adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Veste.).
3381 **estreito das cruces** *loc. adx.* Ver ESTREITO 1 /3364. (Bar-Co).
3382 **estreito de atrás** *loc. adx.* Ver ESTREITO 1 /3364. Agro. e Cur. recollen *estreitiño de atrás*, e Piñe. *estreito de tras*. (Agro., Carño2, Cur., Piñe.).
3383 **estreito de cadrís** *loc. adx.* Ver ESTREITO 1 /3364. (Bidu.).
3384 **estreito do cadril** *loc. adx.* Ver ESTREITO 1 /3364. (Bas., Calo, Conxo).
3385 **estreito do cu** *loc. adx.* Ver ESTREITO 1 /3364. A nosa fonte en Couso escribe *estreto do cu*, que coidamos simple erro de transcrición por *estreito*. (Antas3, Couso).
3386 **estreito dos cuadrís** *loc. adx.* Ver ESTREITO 1 /3364. (Meira2).
3387 **roín de tras** *loc. adx.* Ver RUÍN 2 /3372. A nosa fonte escribe *roín detras*. (Consta.).
3388 **ruín d'atrás** *loc. adx.* Ver RUÍN 2 /3372. (Alla2).
3389 **seco de atrás** *loc. adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Lampón, PSil).
3390 **sumido da cruz** *loc. adx.* [Becerro] estreito do terzo posterior. (Enxames).
3391 **se-la pola** *loc. v.* Ser [un becerro] estreito do terzo posterior. Supoñemos que compara coa galiña, que ten sona de cu estreito. (Sofán).
3392 **ser como unha tabua** *loc. v.* Ser [un becerro] estreito do terzo posterior. (Morai.).
3393 **ser de anca mala** *loc. v.* Ter [un becerro] a cadeira estreita característica dos becerros agulleiros. A nosa fonte dá como lema *anca mala*. (Dum.).
3394 **ser de cadeira estreita** *loc. v.* Ter [un becerro] o terzo posterior estreito e pouco desenvolvido. Esta é unha característica propia dos becerros ruíns. A nosa fonte dá o lema *cadeira estreita*. (Melias).
3395 **ser de cu aghuzado** *loc. v.* Dise da cadeira estreita característica dos becerros agulleiros. Pedro. escribe *do cu ajuzado*, e Couso e Viso2, *cu ajuzado*. (Couso, Pedro., Viso2).
3396 **te-lo cu agusado** *loc. v.* Ver SER DE CU AGHUZADO /3395. A nosa fonte dá o lema *cu agusado*. (Borre.).
3397 **te-los cadrís estreitos** *loc. v.* Ter [un becerro] a cadeira estreita. Esta é unha característica propia dos becerros agulleiros. PCal2 escribe *cadrís estreitos*; Sofán, *de cadrís estreitos*; e Buga-N, *beserro cos cadrís estreitos*. (Buga-N, PCal2, Sofán).
3398 **ter cu de cuco** *loc. v.* Ser [un becerro] estreito do terzo posterior. (Sofán).
3399 **ter lombo de anguía** *loc. v.* Ser [un becerro] estreito do terzo posterior. A nosa fonte escribe *lombo da anguía*. (Dis.).

3.2.7. Gando nervioso, inquieto

3400 **ceibía** *s.f.* Fuxida dunha res que se deu soltado ou desmandado. (Piquín).
3401 **enxaramoneadoiro** *s.m.* Remuíño de xente, de abellas, de gado etc., que anda, que voa ou corre a tódolos xeitos. (Parade.).
3402 **escadamoucón** *s.m.* Animal extremadamente inquieto, que constantemente anda alborotando a corte. Esta voz fainos lembrar *escadamoxar* e *escadramoxar* que temos recollidas co significado de sacudi-la cabeza os animais. (LG).
3403 **escadramouzón** *s.m.* Ver ESCADAMOUCÓN /3402. (LG, Piquín).
3404 **vaca tola** *loc. s. Ú. m. en pl.* Tella. Úsase nas adiviñas. (PM:263).
3405 **abelloso** *adx.* [Animal] inquieto que se axita e espanta facilmente. (CP, ERG, LG).
3406 **aceiroso** *adx.* [Res vacúa] cando non para no prado e anda dun lado para outro. (Cubi.).
3407 **bisueño** *adx.* [Animal] espantadizo. (Piquín).
3408 **brincallón** *adx.* [Res] que non para quieta nun sitio. (Goián).
3409 **esbrinzador** *adx.* [Animal] que brinca moito, rebrincador. (ERG).
3410 **escabardoso** *adx.* [Animal] asustadizo e desconfiado. (Burón, Piquín, Suarna).
3411 **esgalga** *adx.* Ver GALGA 2 /3414. (Vala.).
3412 **furís** *adx.* [Animal] fuxidizo, que se mete en calquera sitio. (Barcia).
3413 **furisco** *adx.* Ver FURÍS /3412. (Barcia).
3414 **galga 2** *adx.* [Res] que non para quieta nun sitio. (Dum.).
3415 **írtiga** *adx.* [Vaca] que se espaventa ó saír da corte. (Antas).
3416 **ladra** *adx.* [Vaca] que salta os valados. (Común).
3417 **oubeona** *adx.* [Vaca] que non para nun sitio. ¿Ansiosa? (Ped1).
3418 **outeón** *adx.* [Animal] inquieto. (Burón, Suarna).
3419 **tarabouleiro** *adx.* [Animal] extremadamente inquieto, que constantemente anda alborotando a corte. (LG).
3420 **vispio** *adx.* [Animal] espantadizo. (Piquín).
3421 **xarondo 2** *adx.* [Animal ou persoa] que se inquieta e dá en andar ó revés. *Aínda te pos ben xarondo*. (Piñ.).
3422 **xibrelo** *adx.* [Animal ou persoa] lixeiro e inquieto, propenso a desmandarse. (Piquín).

3423 **xota** *adx.* [Vaca] que se espaventa ó saír da corte. (Arc1, Ctel1).
3424 **atourar 3** *v. Ú. t. c. prnl.* Poñerse nerviosa unha res por ver entre a herba ou preto dela unha cobra, doniña ou outro animal ó que lle teña medo. *A vaca viu unha cobra nunha silveira e atourouse e fuxiu a brincos coma cando mosca*. (Car4, Cede2).
3425 **dervelarse** *v.* Axitarse [unha res] por temer ou sospeitar un perigo. *As ovellas e as vacas deron en dervelarse. ¿E que era? O lobo*. (Xun2).
3426 **enxaramonear** *v.* Arremuiñarse [a xente, as abellas, o gado]. (Parade.).
3427 **escabardar** *v. Ú. t. c. prnl.* Atemoriza-lo [gando], espantalo. (Burón, Piquín, Suarna).
3428 **escacellar** *v.* Revolverse [o gando] tratando de ceibarse. (Ced.).
3429 **escaramonarse** *v.* Espantarse [os animais]. (Sob).
3430 **escarear** *v.* Asombrar [un animal]. (Ced.).
3431 **outear 2** *v.* Estar [o gando] inquieto, como buscando algún perigo que adiviñan. (Burón, Cod.).
3432 **rebinar 1** *v.* Non parar [o gando], brincar porque estivo folgando un pouco. (Fra.).
3433 **estar avespada** *loc. v.* Estar [unha vaca] inquieta sacudindo a cabeza, coma se aventara as avésporas, como signo do estro. (Gond.).
3434 **ser un bispardo** *loc. v.* Espantarse [unha res] por menos de nada. A nosa fonte dá o lema *bispardo*. (Piquín).
3435 **ser unha corza** *loc. v.* Andar [unha vaca] ás carreiras, non parar e atravesar por calquera parte. *Esta vaca é unha corza*. A nosa fonte dá o lema *corza*. A corza ten sona de non estar nunca quieta. (Xun2).
3436 **ser unha garza** *loc. v.* Ser [un animal] malo de aturar ou de gardar. *A vaca é unha gharza*. A nosa fonte dá o lema *garza*. (Fra.).

Pra unha vaca ladra nunca faltou unha espetada. (Arzúa7) [184]

No medio e medio do mar
un barco se balancea,
un touro bravo se amansa
e un amor firme falsea. [185]

3.2.8. Moscar (vacas que moscan)

As moscas e mailos tabáns representan unha praga especialmente molesta para o gando, tanto nos momentos nos que se atopa no interior das cortes coma cando se atopan no exterior. Numerosas especies de moscas viven sobre o gando zugando as súas secrecións e provocando desde molestias máis ou menos serias, segundo a cantidade de insectos sobre o animal, ata a transmisión de diferentes enfermidades. A inquietude provocada polo ataque destes dípteros pode causa-la perda de ata o 20% na produción de carne e leite ó ter que dedicar boa parte da enerxía consumida a espantalos e defenderse das súas picadas.

Especial mención merecen os tabáns, *Tabanus bovinus*, máis grandes cá mosca –de ata 3 cm- e de picadura máis dolorosa, e a mosca causante dos vérragos, dos que falaremos no capítulo 8.4.4. *Hipodermose*.

Un dos accidentes frecuentes no pastoreo é que o gando amosque cando está a pacer e o pican os tabáns. Entón bota a correr cara á corte ou cara a unha sombra sen ter coidado ningún, e pode mancarse ou escornar a outros animais ou á xente. Por iso os gandeiros levan o gando a pacer á mañanciña cedo e arrecádano cando empeza a calor e chegan as moscas. Ás veces os rapaces aproveitan este medo das vacas e arremedan o ruído da mosca para que o gando vaia máis axiña para a casa e así eles quedaren xa libres, recitándolle estes versos:

Pica, mosca, pica ben,
tres no rabo e tres na sen,
cunha folla de cardén
pra que a vaca corra ben.
Sss... sss...sssssss. [186]

Pica, mosca, e pica ben
tres no rabo e tres na cen
con tres folliñas de cardén. [187]

[184] Significa que as vacas que se meten no alleo crávanse nas separacións.
[185] Lama2:151.
[186] AFF1:97. Esta mesma práctica puidemos recollela noutros sitios (Mel2:373, Ctel1). O *cardén* non é outra cousa cá carvea (*Carum carvi*), coñecida planta medicinal, pero que supoñemos que aquí non ten máis xustificación cás esixencias da rima.
[187] Lourei2. No texto: *bèn, cèn*.

Pica, mosca, pica ben,
pra que a vaca corra ben.
Tres no rabo e tres na testa,
rr rr rr [188]

Pica, pica, picadeira,
na folliña de oliveira;
tres no cu e tres no rabo
á porta do meu cuñado. [189]

Pica, tabán,
no tempo de vran;
pica, tabela,
na vaca marela. [190]

Vaca marela, pica na vela
boi mariñán, pica tabán
qu'aí vén o verán. [191]

Estes mesmos versos teñen tamén outra utilización metafórica como resposta despectiva a quen está criticando insistentemente a un, como desprezando o criticón reiterativo (Ctel1).

As moscas son insectos ós que ninguén lles quere ben e hai quen coida que son bruxas que andan pola casa para faceren mal e quen pensa que anuncian visita. Coidan algúns que son as meigas quen traen as moscas e que é o demo ou unha bruxa de categoría superior, como a vella Cenza, en Melide, os encargados do reparto das moscas na noite de san Xoán. Hai mesmo quen coida que as moscas son as propias meigas que se transforman nelas para amosca-lo gando (JRL:193; Raiaseca:189) ou para lle facer mal á xente e así quedou recolleito en moitos contos e tradicións (*Nós* 2 e 16).

Para protexerse das moscas e, polo tanto, das meigas a tradición di que o mellor é levar á man un frasquiño con auga bendita e unha póla de loureiro coa que se chapurrea por riba do lombo da vaca. Se unha pinga alcanza unha mosca, morre a mosca e morre a meiga causante do mal (JRL:193, VLQ:313, Mel2:449[192]).

Para que non mosquen as vacas, na Terra Chá rezan este responso [193]:

Á vaca marela
do corno virado
pícalle a mosca
debaixo do rabo.

O día de san Silvestre (31 de decembro), en Melide faise a seguinte broma: uns veciños aconsellan ós outros que cortándolles nesa noite o rabo ás vacas, non moscan máis en todo o ano. E disque algún inocente chegou a cortarlle o rabo ó seu gando (Mel2:410, XTC1:129 [194]). Pola contra, en Carballedo esta práctica faise no día de santo Estevo, 26 de decembro: *O día de Santo Estebo córtalle o rabo ó teu becerro* (Carb-L:211).

As meigas tamén se poden transformar en abellóns para facerlles mal ós animais. Por iso di o refrán que *O que mata un abellón ten cen anos de perdón* (JRL:193, ERG:meiga). Cando a causa de que mosquen as vacas é unha bruxa, utilízase como antídoto a vara de abelaira, polos seus poderes máxicos, e esa é a razón de que de abelaira se fagan as aguilladas na parte oriental de Galicia: véxase o conto *Bruxas que fan mosca-lo gando* que reproducimos nesta mesma epígrafe.

Nos textos clásicos xa se fala deste fenómeno. Moscou Io, convertida en vaca, por uns tabáns que mandou Hera e así andou errante por tódalas costas do mar que separa Europa de Asia (Mar de Io ou Mar Iónico). Tamén moscou o gando de Xerión que Heracles lle levaba con tantos traballos a Euristeo; e moscou por culpa duns tabáns que tamén mandara Hera. Heracles xa nunca deu arrecadado o gando todo porque pegou a fuxir en múltiples direccións.

---

[188] ERQ:11. Rivas Quintas recólleo en Forcarei.

[189] LimiaB:133. No texto: *cú*.

[190] JLPT7.

[191] San.: no texto: *cai.*

[192] *Non embargante, o feito de seren os desconxuradores preseguidos pol-o demo, poidera ter a sua orixe n-unha creenza na relación do demo coas bestas danosas, tendo en conta a versión corrente en Galiza de qu'as moscas son traguidas pol-as bruxas, á quen llas reparte o demo en Sevilla, ou onde sexa, e as metamorfoses das bruxas en moscas raxadas pra amoscaren o gando*.

[193] TCha:84.

[194] *Se repiten en este día* [a noite de san Silvestre] *las burlas de Inocentes, como mandar los sastres a sus aprendices a buscar 'a pedra das agullas', a los que cargan con cualquier pedrusco para mofarse; unos vecinos aconsejan a otros que corten a las vacas el rabo para que no 'mosqueen' e igual otras chanzas y 'pegotas'* (XTC1:129).

Nos nosos textos medievais tamén se fala deste fenómeno, na cantiga medieval de Afonso Mendez de Besteiros (B1558), cando compara a don Foão cun becerro que mosca

sol que viu os genetes, come boi que fer tavão,
sacudiu-se e revolveu-se,
alçou rab' e foi sa via a Portugal.

No portugués do norte tamén se fala disto. Por poñer un único caso, citámo-la novela *A Brasileira de Prazins* de Camilo Castelo Branco (1882), onde di que *desciam em saltos de "bezerros" mordidos por vespeiros* (DMA:247).

3437 **moscardo** *s.m.* Tabán que ataca ó gando vacún. (ERQ2).

3438 **mosca caira** *s.comp.f.* Mosca que anda no gado, especialmente nas vacas e nos cabalos. (Gud5, Hermi.).

3439 **tabán dos bois** *s.comp.m. Tabanus bovinus*, a especie máis común destes insectos dípteros. Insecto díptero, de ata 3 cm de longo, que se alimenta -a femia- do sangue dos mamíferos homeotermos, principalmente bovinos e equinos, e ocasionalmente do home. O macho aliméntase de zumes vexetais azucrados, sobre todo néctar das flores. A picadura destes insectos é moi dolorosa e provoca normalmente unha violenta reacción defensiva nos animais parasitados, ademais dunha importante merma na produción láctea en caso de infestación masiva. Unha segunda consecuencia das súas picadas, aínda máis perigosa, consiste na posible transmisión doutras enfermidades por outras moscas que acoden posteriormente a zuga-lo sangue que deitan as feridas que provocaron, xa que o tabán inocula na ferida unha substancia anticoagulante. (JC).

3440 **abeirona** *adx.* [Vaca] que mosca, inquieta por efecto da calor ou das moscas. (VS).

3441 **esmoqueira** *adx.* Ver MOSQUEIRO 2 /3445. (Cani.).

3442 **moscalleiro** *adx.* [Gando] con moscas. (Goián).

3443 **moscona** *adx.* Ver MOSQUEIRO 2 /3445. (Ribe2).

3444 **mosqueadora** *adx.* [Vaca] moi sensible ós insectos que lle fan botar a fuxir co rabo case vertical. (Ver2).

3445 **mosqueiro 2** *adx.* [Bovino] hipersensible ós insectos. *Iste boi, vaca... é moi mosqueiro/-a*. (Xun2).

3446 **mosquenta** *adx.* Ver MOSQUEIRO 2 /3445. (Gro1).

3447 **abarear** *v.* Moscar [o gando]. A nosa fonte escríbeo con be pero non sabemos se ten algunha relación coa *vareixa* (larva da mosca da carne) ou con *vara*. O feito é que se lle atribúe á vara de acivro a condición de antídoto contra as moscas e, nese caso, estaría mellor escrita con uve esta palabra. (Camba).

3448 **abeirar** *v. Ú. t. c. prnl.* Espantarse [o gando] por susto ou, se vai calor, polas moscas. *Bota logo, que despois abéirache o jado* (Xun2). VS3 recolle *aveirar*. (Amandi, Busta., Cal., Carbal., Carño2, Chan., Fara., LG, Lim6, Pantón, Piñei2, Piñor, PSeca, Sober2, VFrore., VS3, XER, Xun2).

3449 **aburar** *v.* Abundar [as moscas e os mosquitos]. Recollémolo en canto que, para que as vacas mosquen, ten que haber abundancia de insectos. (LG).

3450 **amoscar** *v. Ú. t. c. prnl.* Botar [as vacas] a correr cando as pica unha mosca ou un tabán. *Cando o gado s'amosca ponse fero, bótase a correr e pódese mancar e inda pode acometer ós cristianos* (Mel2:373). *O boi vello ca lúa s'amosca* (VLLM). (CP, LG, Marín1, Mel2, Randu., Suarna, Valad2, VLLM).

3451 **arrabar** *v.* Moscar [o gando]. (Bar-Co., Fra., Neves2).

3452 **atronar** *v.* Espantarse [o gando] por susto ou, se vai calor, polas moscas. *Cando as moscas e os cínfanos aburan* [...]*, o gando 'abeira'* ou '*amosca*; *noutras ocasións 'atronan', e cómpre tomar unha serie de precaucións co animal*. (LG:26.04.1998).

3453 **avispar** *v.* Moscar [o gando]. (Frei.).

3454 **desbocarse** *v.* Botar a correr [o gando] polas picadas das moscas. (Rama.).

3455 **desesperar** *v.* Moscar [o gando]. (Macei.).

3456 **encrenchar** *v.* Ergue-lo rabo [unha res] que mosca. *Voltamos, sen dar fala, cando os bois comenzaron a encrenchar o rabo coa mosca*. (XNV:30).

3457 **enmoscar** *v.* Ver MOSCAR /3464. (Cur.).

3458 **escapar** *v.* Moscar [o gando]. (Ortoño, Zamáns).

3459 **escordar 3** *v.* Soltarse [unha vaca] da corda e botar a fuxir, como consecuencia do ataque das moscas. (Noalla).

3460 **esmosqueirar 1** *v.* Sacudir [as moscas] o gando vacún. (Piquín).

3461 **espantarse** *v.* Moscar [o gando]. (Casal.).

3462 **espaventar** *v.* Moscar [o gando]. (Caban.).

3463 **fuxir** *v.* Moscar [o gando]. (Guil2).

3464 **moscar** *v.* Botar [as vacas] a correr cando as pican as moscas. Adoitan requicha-lo rabo e fuxir cara a unha sombra. *Maruxa chegóu tamén coas vacas; o pai dixéralle que non se apurara en traguelas, pro ila aseguróu que lle moscaran. Alberte, a tal ouvir, sorriúse cara a Maruxa de certa maneira, pro ila recalcóulle, un pouco*

anoxada: 'Moscaron, sí señor, moscaron!' (GB2:121). *A mañán pareceume máis longa ca nunca. Non pasaba o tempo. [...] Por fin moscou o gando. Vinme prá casa e desemulei canto puiden a miña inquedanza* (XNV:73). *... ibamos pa finca cando inda non se vía, porque espois moscaban ar vacas e non se podía labrare* (Lourei2). (Común. ILG:136 (C:73, LU:28, OU:8, PO:27)).

3465 **moscare** *v.* Ver MOSCAR /3464. (CarbCo., Cer., Ces., Fuxás, Razo, Tab1).

3466 **moscarse** *v.* Ver MOSCAR /3464. (Per1, Ribe1, Vilaf.).

3467 **mosear** *v.* Moscar [o gando]. Parécenos erro do amanuense por *moscar*. (Tabor.).

3468 **mosquear** *v.* Estar inquieta [unha vaca] como consecuencia do asedio dos insectos. (Común).

3469 **mosqueare** *v.* Ver MOSQUEAR /3468. (Pre.).

3470 **mosqueirar** *v.* Ver MOSQUEAR /3468. (Noalla).

3471 **mosquier** *v.* Ver MOSQUEAR /3468. (Ancares2).

3472 **rebinar 2** *v.* Moscar [o gando]. Ribad. escribe con uve, *revinar*. (Ribad., Vxoán).

3473 **remontar** *v.* Moscar [o gando]. (Melias).

3474 **remoscar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver MOSCAR /3464. Crespo Pozo di que en Lugo é reflexivo. *As reses 'defénden-se' das 'moscas' e dos tabaos co rabo e da mosca raxada, remoscando co rabo dereito ou fuxindo a esconder-se nas faratuxeiras fragas ou a unha sombra* (Parade.:279). *Hei de ir en forma de tábao cando o home ande arando cos bois e heillos de facer remoscar a ver si se lle desgracia un* (FINGOI:101: *As bruxas de Meigarallás*). (Barre., ERQ, FINGOI, Incio, Laiosa, Lan., Lemos2, Lugo, Pantón, Parade., Penela, Piñe., Samos3, Taboa., Veste., Vixoán, VS3).

3475 **remosquear** *v.* Ver MOSQUEAR /3468. (Buga-A).

3476 **requichar 2** *v.* Fuxir [unha vaca], co rabo ergueito, ante as picadelas das moscas. (Lemos, Parade.).

3477 **tourear 3** *v.* Moscar [o gando]. (Viso1).

3478 **trepar** *v.* Correr [o gando] fuxindo. (Mra.).

3479 **da-la mosca** *loc. v.* Moscar [o gando]. (Anca).

3480 **escaparlle ás moscas** *loc. v.* Moscar [o gando]. (Oliv.).

3481 **marchar co rabo dereito 1** *loc. v.* Ver REQUICHAR 2 /3476. Tamén se utiliza cos verbos *andar* e *fuxir*. *Adoitan comportarse así os animais cando están inquedos, nervosos ou agresivos; moi particularmente o vacún e mailo cabalar, exemplo que non estraña no mundo rural, polo seu maior achegamento ó labrego galego. Cando se di socobadamente das persoas, é cando alguén vai ou ven lizgairo, con espallafato e decisión, ás veces por mal xenio ou incomodo*. (Forc4:27).

3482 **pica-la mosca** *loc. v.* Moscar [o gando]. (Valen.).

3483 **pica-las moscas** *loc. v.* Moscar [o gando]. (Arme., Baltar).

3484 **recacha-lo rabo** *loc. v.* Ver REQUICHAR 2 /3476. (LT2).

3485 **vir coa mosca** *loc. v.* Moscar [o gando]. [O gado] *volve a meia mañá e non despois, porque se colle o sol ven coa mosca*. Probablemente tamén se usa co mesmo significado esta loc. co correlativo verbo *ir* (*ir coa mosca*). (Mel2:373).

3486 **a trote** *loc. adv.* A gran velocidade: forma de corre-lo gando cando mosca. (Cervá1).

3487 **cando moscan as vacas** *loc. adv.* No verán. -*Que che parece o vestido que merquei?* -*Ai, nena, eso é bo pa cando moscan as vacas*. (NegraG2).

3488 **¡pica, mosca, e pica ben!** *fórm.* Fórmula coa que o pastor invita os tabáns a que piquen o seu gando para que mosque e queira ir xa para a corte. (ERQ:11, Lourei2).

3489 **¡pica, rabela!** *fórm.* Fórmula para imita-lo zunido do abellón, de xeito que o gando mosque e queira marchar para a corte antes de tempo e cando o pastor quere. *Eu iba co-as vacas ... e cando o sol xa picaba e as moscas lle facian levantar o rabo âs vacas levábaas muy contento pr'a corte, pra irme mais axiña pr'a romeria. Pro algunhas veces picabam'a min primeiro e ... facia eu d'abellon e decia: 'Pica rabela'*. (FRB).

3490 **¡rr... rr... rr!** *fórm.* Onomatopea do zunido dos tabáns coa que o neno pastor pretende que o gando mosque e así queira ir xa para a corte. (ERQ:11).

3491 **¡sss... sss...sssssss!** *fórm.* Ver ¡RR... RR... RR! /3490. (AFF1).

A gado fraco, cómeo o moscardo. (VLLM:2,79) [195]

Ó mal gado pápao o moscardo. (VLLM:2,79) [196]

A vaca abeirona nunca se enche. (VS) [197]

A vaca de Xan da Xouba, por non dar ó rabo, deixa picar as moscas. (VS)

A vaca moscou e non sei onde parou. (VLLM:1,132) [198]

---

[195] Llópiz: *o come*; explica que *moscardo* é a mosca equina, que debe se-lo tabán. Recólleo de E. Puga (*Refr. de Curtis y Vilasantar*).

[196] Llópiz recólleo en Vilasantar.

[197] VS: *vac'aveirona, s'henche/ s'enche*. Rivas Quintas define *abeirar* como: *Huir el ganado vacuno por efecto del calor y las moscas* (Fondo de Vila): '*Bota logo, que despois abéirache o ghado'... En otras partes de Galicia se dice moscar* (*FrampasI*).

[198] Llópiz recólleo de A. Abelaira (*Monografía de La Capela*); explica que o gando, cando mosca, pega a correr sen rumbo fixo.

Ás catorce n'hai vaca qu'amosque. (VLLM:1,130) [199]
As moscas no verau comen o mel e comen o gando. (ERG:mosca)
Moscas comen o mel e mais ó gado. (VLLM:2,288) [200]
Moscas comen o mel e o gando. (UCA2:45; EAG:19; ZM:139) [201]
As moscas polo san Narciso pican de a cinco. (VLLM:2,285) [202]
Cando a vaca fuxe, logo ó tempo muxe. (EGE:58)
Cando o anzón pica nos bois, logo agoira o trebón. (VLLM:2,286) [203]
Cando o moscardo roi nas vacas, axiña baixa a trobiscada. (VLLM:2,286) [204]
En maio vai a mosca do boi ó cabalo e, si é de lei, vai ó cabalo e non deixa o boi. (VS) [205]
En xunio quítase a mosca ó boi e pégase ó burro. (VS) [206]
En Santa Mariña, xa amada a vaquiña. (VS) [207]
O boi vello ca lúa s'amosca. (VLLM:1,147) [208]
O carro e o boi andan a cen cando lle vén un abellón atrás. (XLRG:64) [209]
O día de san Sebastián ceiba ás moscas Satanás. (VLLM:2,286) [210]
San Sebaschán, vinte de xaneiro, cando ceiba a mosca do demo. (VLLM:2,287) [211]

---

[199] Llópiz: *vaque*; recólleo en Muíña (Fiol, Lugo) de Florentino Castro e di que é unha parte do xogo infantil *A la una anda la mula*. Non é refrán senón parte das *Palabras de San Xoán retorneadas*. En TCha temos unha versión que podemos chamar *seria* (páx. 109), que non menta a vaca, e estoutra versión, que o mesmo Rielo chama *Parodia*, na que si a menta e na que mestura versos en castelán e en galego (TCha:113):
A la una, es más claro el sol que la luna.
A las dos, non hai mellor home ca Dios.
A las tres, de palo se hace la pez.
A las cuatro, é máis fonda a cunca có plato.
A las cinco, é mellor o viño branco có tinto.
A las seis, seis ciros santos.
A las siete, siete evangelistas.
A las ocho, ocho puertas del Paraíso.
A las nueve, nueve coros de ánxeles.
A las diez, non hai cabra que vaia ó monte sin pes.
A las once, once mil ranas.
A las doce, non hai cocho que non foce.
A las trece, no hai caballo que no pese.
A las catorce, non hai vaca que non mosque.
A las quince, non hai xastre que non inche.
Obsérvese finalmente que a forma que recolle Llópiz di o contrario da que recolle Rielo e esta é a que nos parece máis correcta, porque ás catorce é cando máis pica o sol e, polo tanto, é máis verosímil que non haxa vaca que non mosque.

[200] Llópiz: *ô gado*; estráñano-la ausencia do artigo inicial nestes refráns.

[201] No texto: *a mel y o gando* (EAG); *i-o gando* (VS).

[202] Llópiz: *d'a*. San Narciso, bispo de Girona en tempos de Diocleciano (séc. IV), defendeu, segundo lenda catalana, a súa cidade no ano 1286 facendo marchar de alí un exército ocupante francés, mandando contra el un enxamio de moscas velenosas que produciron 40.000 baixas no inimigo. O caso é que este san Narciso *das moscas* celébrase o 18 de marzo. Nos calendarios relixiosos figuran outros santos deste nome con festa en setembro e outubro. Debe ser algunha festa local nos meses de verán, para que o refrán teña lóxica; de feito, Llópiz sitúao no 15 de agosto.

[203] O único lexicógrafo, dos 26 que figuran na versión ampliada do *Diccionario de Diccionarios* de Antón Santamarina, que define a palabra *anzón* co valor de tabán é o P. Sobreira (1787-1805) nas súas *Papeletas de un diccionario gallego* e faino así: *Insecto volátil del género de los tabaos o tabanos, que se tira a los animales con la violencia de una saeta, y por eso se dice, del niño que es vivo, 'ser coma un Anzón*'. Os valores que ofrecen Carré ou Eladio Rodríguez (*Cosa muy pequeña, apenas perceptible. El niño pequeño que aun comienza a andar solo*) non teñen que ver con este contexto.

[204] Llópiz: *troviscada*; recólleo de E. Portela (*Léxico del Valle de Rosal*, La Guardia).

[205] VS comenta que *Por el aumento de calor que se observa ya en algunas zonas*, e ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Em maio deixa a mosca o boi e toma o asno* (Chaves); E.: *En el mes de mayo, deja la mosca al buey y toma al asno* (Sbarbi), *En el mes de mayo, deja la mosca al buey y se le va al caballo* (R. Marín).

[206] Saco dá este equivalente castelán: *En junio, se le quita la mosca al buey y se le pega al burro* (R. Marín).

[207] Porque, di Saco, *Llegada esta época, se tranquiliza el animal porque no le molestan tanto los insectos*. Recólleo en San Pedro de Orrios, no Caurel.

[208] Llópiz: *ca* por *coa*; conservámo-la grafía con apóstrofo pola mesma razón que nos casos anteriores; recólleo de Juan Pol en Ordes. Martínez Kleiser comentando o refrán castelán *La vaca joven con la luna mosca*, di: *'Moscar', en el norte de España es sentir el ganado inquietud por las picaduras de las moscas. Quiere ponderar la condición inquieta de la juventud, puesto que las moscas molestan con el sol, y no con la luna*. Esta explicación contradí o refrán galego, no que se apón igual comportamento ó *boi vello* que en castelán á *vaca joven*.

[209] No texto: *avellón*.

[210] Llópiz: *âs*; recólleo en Xinzo. San Sebastián celébrase o 20 de xaneiro.

[211] Llópiz: *ceiva*; recólleo en Xinzo; notable arcaísmo (*Sebaschán*).

O moscón vén por san Enecón e vaise por san Simón. (VLLM:2,288) [212]
San Enecón trai o moscón. (VLLM:2,288) [213]
San Fernando ábrelle as portas ás moscas do gando. (Lourei2) [214]
San Fernando, moscas voando. (VLLM:2,285)
San Fernando, pulgas á xente e moscas ó gando. (Camb1:47; Castre.; NevesC)
San Fernando trai as moscas, san Enecón trai o moscón. (VLLM:2,285) [215]
San Simón, si me pillas unha mosca, douche un millón. (VLLM:2,288)
Vaca amoscada, leite que se perde. (VLLM:1,155) [216]
Vaca ca mosca ningún a munxe. (VLLM:1,155) [217]
Vaca que ve remoscar a outra e non remosca ela, tamén por algo é. (VS)

Chamácheme pouca cousa,
pouca cousa, ti máis vales;
pouca cousa son as moscas
fan fuxir os animales. [218]

Chamáchesme pouca cousa
pouca cousa, ti máis vales;
pouca cousa son as moscas
e poden cos animales. [219]

O soldado e os zapatos [220]

En unha ocasión viña un soldado do servicio, e entrou nun [221] comercio en Sarria a comprar unhos zapatos. Estúvoos mirando, e díxolle á que llos vendía (que era unha) se llos deixaba probar. Ela díxolle que si [222], e el o fixo. E logo, cando os tiña postos, díxolle:

- *Ai, señora, se quere, dígolle como* [223] *remoscan as nosas vacas*.
- ¿*E como*? –díxolle ela.
- *Pois mire: asi* –i empezou [224] a correr, e marchou [225] cos zapatos sin llos pagar.

Bruxas que fan mosca-lo gando [226]

Unha filla ouviu dicir que a nai dela [227] era bruxa e, pra saber se era [228] certo, foise a fiar pra xunto dela [229] na víspora de San Xoán. Chegou a hora de deitarse i a filla [230] non se quería marchar senón que estaba [231] facendo tempo pra ver si a nai iba polas [232] moscas; pero

---

[212] Llópiz: *San Eneón*; san Simón é o 28 de outubro e san Enecón (san *Íñigo*), o 1 de xuño.
[213] Llópiz: *Eneón*.
[214] Fai referencia á chegada das moscas nos comezos do verán. Crese tamén que son as bruxas as que traen as moscas no San Xoán.
[215] Llópiz: *San Eneón.* San Fernando é o 30 de maio e san Enecón (san *Íñigo* en castelán) é o 1 de xuño; quere dicir que veñen xuntos. Entendemos que se trata de san Enecón, xa que non atopamos ningunha outra cita que confirme a lectura *Eneón.*
[216] Llópiz recólleo en Sarria de L. Páramo.
[217] Llópiz: *cá*; recólleo en Carbia de R. Gontán; explica que cando a asedian os tabáns está irritadiza e rebelde.
[218] Lama2:194.
[219] Coto2: 044.
[220] FINGOI: 142.
[221] No texto: *entróu en un* (sic).
[222] No texto: *sí*.
[223] No texto: *cómo*. Tamén *¿E cómo?*
[224] No texto: *empezóu*.
[225] No texto: *marchóu*.
[226] Sarria6. No texto acompáñase a seguinte nota: *A vara d'avelaira, é empregada en toda a Europa oucidental nas operacións de Goecia (a magica preta liberal, como lle chama o Libro Grande de San Ciprián). D'avelaira faise a vara fulminante, istrumento indispensabel da Maxia Negra, que ven descrito en todol-os grimorios, e ten outras moitas apricaciós.* Na propia revista *Nós* (16, 1923) e na mesma sección recóllese outro conto dunha bruxa que, metamorfizada en mosca, recibe un pinchazo e, cando volve ó seu ser natural, está gravemente enferma.
[227] No texto: *qu'a nai d'ela*.
[228] No texto: *,e pra saber s'ere*.
[229] No texto: *d'ela*.
[230] No texto: *,y-a filla*.
[231] No texto: *,senón qu'estaba*.
[232] No texto: *pol-as*.

ela tanto lle porfiou, que a [233] filla tuvo que marcharse; mais [234] en lugar de coller prá [235] casa, rubiu [236] ó teito, pra ver o que lle dicía ó home e [237] sentiulle preguntar:

-¿Que [238] trouxeches?

-Cala, ho [239], cala, que esa [240] filla non a [241] puden sacar de xunto de min en toda a noite [242] e solo puden chegar á repartición das moscas; pero heillas de cobrar, que lle hei [243] de matar ó home.

-¿E como? [244]

-Heime poñer da figura dunha [245] mosca raxada e mañá, cando vaia [246] á arada, heille pica-los [247] bois e hano matar i a min [248] non me poderá facer nada, non sendo que me dea cunha [249] vara de abelaira [250].

A filla, como estaba [251] escoitando, ó saber aquelo, xa non lle tiña medo e [252] foise co home á arada e levou a vara que sabía i ó vi-la mosca [253] pegoulle un pau e matouna i ó día seguinte [254] apareceu a nai morta.

As bruxas de Meigarallás [255]

Aló nun pobo de cerca de equí, chamado Meigarallás, había unha muller que tiña dúas fillas. Cando xa eran mozas, casou [256] a máis vella con un herdeiro do pobo inmediato, chamado Labracengos. Dalí a pouco tempo, empezou a correr un rumor de que mai i a filla solteira se dedicaban a facer bruxerías. A filla que estaba casada foi un día a velas pra aconsellalas que non deran que falar á xente e que se deixasen de facer bruxerías. Elas negaron todo e decían que endexamais [257] se lles pasara pola imaxinación de facer tal cousa; pero a filla non se fiou gran cousa, e, pra sabelo de certo, fixo que lle daba o sono e deitouse nun banco que había tras do lume. Cando a mai i a filla pensaron que durmía, empezaron a comentar o asunto. E dixo a mai:

- Pois cala, que mas ha de pagar. Hei de ir en forma de tábao cando o home ande arando cos bois e heillos de facer remoscar a ver si se lle desgracia un.

- ¡O caso é se a matan! –díxolle a filla solteira.

- Qué va. Menos de que me dían con un ramallo de loureiro bendito, non me poden facer nada, i eso non o van levar prá arada...

---

[233] No texto: *qu'a*.
[234] No texto: *,mais*.
[235] No texto: *pr'á.*.
[236] No texto: *rubíu*.
[237] No texto: *,e*.
[238] No texto: *Qué*.
[239] No texto: *hó*.
[240] No texto: *qu'esa*.
[241] No texto: *nona*.
[242] No texto: *,en tod'a noite,*.
[243] No texto: *ll'hei*.
[244] No texto: *cómo*.
[245] No texto: *d'unha*.
[246] No texto: *raxada,e mañá, cando vaya*.
[247] No texto: *pical-os*.
[248] No texto: *,y-a mín*.
[249] No texto: *c'unha*.
[250] No texto: *d'avelaira*.
[251] No texto: *com'estaba*.
[252] No texto: *medo, e*.
[253] No texto: *,y-ó vil-a mosca*.
[254] No texto: *,y-o día seguinte,*.
[255] FINGOI: 100-102.
[256] No texto: *casóu*. Tamén no resto do texto: *empezóu*, *fióu*, *deitóuse*, *tomóu*, *chegóu*, *atopóu*, *colléu*, *metéuno*, *marchóu*, *pasóu*, *contóulle*
[257] No texto: *endexamáis*.

A filla que se facía a dormida, tomou boa conta do que oía. Ao día siguiente, foise pra casa e, cando chegou, atopou ao home xunguindo os bois no patio.

- ¿E logo? ¿Pra onde [258] vas cos bois, Antón? –díxolle ela.

- Vou arar ao leiro do lameiro.

- Boeno, pois eu vou ir contigo.

- ¿I a qué has de vir si os bois andan ben?

- Boeno, inda que anden, eu vou e nada máis.

Ela colleu ramiño de loureiro bendito e meteuno debaixo do mantelo; e ambos os dous marcharon pra o leiro.

Serían as dez da mañán cando aparece un tábao grandísimo picando nos bois. Ela empezou a paus, pero o tábao seguía, hasta que logo, vai ela e saca de debaixo do mantelo o ramalliño de loureiro bendito. E dándolle con il, marchou con unha pata rota o tábao.

Desde aquela mesmo, os bois seguiron arando tranquilamente, hasta que acabaron. Esí que acabaron, fóronse pra casa, e, según chegaron, sentiron tocar a difunto en Meigarallás. Todos quen sería, quen [259] non sería, hasta que dixo a muller:

- Seguramente foi miña mai.

- ¿E logo? ¿Estaba mala, ou? –dixo o home.

- Non, pero pasou esto.

Contoulle o ocurrido, e logo foron aló, e, efectivamente, fora a misma.

Fabas cocidas dan froito? [260]

Con un sol de vran abafador, pola estrada poeirenta adiante, camiño da taberna ensombrecida por fresca e vizosa barra, viña un home inda novo e baril, entrou, pedíu un vaso de i-auga e que lle puxesen algo de comer, que viña morto de fame.

O taberneiro díxolle que soilo habia un par de ovos cocidos, e tróugollos. A fame era grande mailo home antre anaco de pan e migalla de ovo foinos reteando ata matala, e facendo tempo meteu conversa co taberneiro contándolle que ia gana-la vida pra fóra da terra e que viña de moi lonxe; falano de todo porque o fresqueiro do lugar apracia e a leria foise enredando en cousas de laboura e gandos, e nisto o camiñante perguntoulle ó taberneiro:

–I-aquí, os gandos, nestes tempos de calor abafante, non moscan?

Como era nas terras do centro, valeiras de gandos, o taberneiro non entendeu ben a pergunta e o viaxeiro esplicoulla.

–Na miña terra, cando o sol queima así como hoxe, ven os abellóns e ponse a zoar ó redor dos gandos, e entón, ás veces, arrebiritan o rabo así.

Nisto puxo o cacheiro que traguia pra se arrimar, ergueito do fondo fondo das costas cara ó ceo– e botouse a fuxir pola estrada afora camiño contrario ó que trouguera. Cando o taberneiro viu que se alongaba moito berroulle:

–Torne pra atrás, home, que xa vin como fan.

–Non me deixan os abellóns –respondeu o outro.

E seguíu o seu viaxe, porque non tiña cartos pra pagar a comida.

Algúns anos despois tornou o camiñante. Viña a cabalo, ben vestido e de xeito a ser home de posíbeles. Pedíu comida, e como da outra ves leriou co taberneiro que se pirraba por unha conversiña. Cando acabou de comer, díxolle:

–Agora fágame a conta e meta nela aquel par de ovos que eu lle comín fai tantos anos, ¿lémbrase?

E contoulle o caso.

O taberneiro lembrouse e tróugolle a conta [que] montaba a unha manchea de onzas. Diante do aceno espantadizo do camiñante esplicoulle que aqueles ovos se os dese deitado a unha galiña tíñalle dado pitos e, repetindo a cousa tódolos anos, inda a conta era cativa diante do que perdera.

---

[258] No texto: *ónde*.

[259] No texto: *quén ... quén*.

[260] VD:377-278. Moscoso 17 de san Xoán de 1938.

Non aceitou a conta e nun turra-turra co taberneiro, que lle pareceu algo ladrón, trocano verbas aldraxantes i-o caso foi á xusticia. O home mudou de pousada e tivo que esperar pola sentencia. Andaba tristeiro i-aterrecido pola sua toleima vaidosa de querer ser honrado e do pago que lle daban, e un dia, na mesa, contoulle as suas coitas a un estudante que vivia na pousada. O estudante díxolle que non tivese pesadume, que el o defenderia e que non lle habia de pasar nada, e falou con tal convencemento que o home descansou.

No dia do xuicio, á hora marcada, foise pro xulgado e cando xa estaba todo pronto o xues perguntoulle polo seu defensor; respondeu o acusado que non podia tardar porque sabia a hora e dixéralle que chegaria a tempo, mais o tempo non chegaba e xa as partes apuraban e o xues impacientábase; o probe do home non cabia en si co que lle estaba pasando, e nisto, cando todos, uns por unha cousa e outros por outra, estaban enrabexados, entrou o estudante suando e esbaforido.

–Señor defensor, que estuvo a facer que tardou tanto?

–Perdóeme, señor xues, e que estiven a chantar unhas fabas cocidas.

–Vaiche boa. ¿E fabas cocidas dan froito?

–Vostede ten razón, señor xues, mais xa agora pergúntelle ó taberneiro se ovos cocidos dan pitos!

O castelo de cartas armado polo taberneiro esborroouse todo e o viaxeiro foise prós seus eidos, mais xurou de si pra si que dalí en diante non levaria a súa honradés máis alá da de un home que cómpre, no convencemento que así se ceibaría de zaramalladas.

3.2.9. Gando indócil, que non obedece

3492 **beiro** *adx.* [Boi ou becerro] xoto. A nosa fonte di que *beiro* é s.m. (Tui1).

3493 **escriota** *adx.* [Vaca] que nunca se xunguíu e que non se deixa xunguir. Posiblemente este adx. sexa unha derivación de Iscariote, apelido do Xudas traidor do Novo Testamento. (Ctel15).

3494 **esguibio** *adx.* [Animal] esquivo. (Mones).

3495 **írtigo** *adx.* [Persoa ou animal] de xenio vivo. Tamén se di do aceiro que ten moito tempero. (More.).

3496 **revirada 2** *adx.* [Vaca] rebelde. (San.).

3497 **torto** *adx.* [Boi] caprichoso. Úsase na loc. *Vertoleiro como boi torto*. (VLLM).

3498 **veceiro** *adx.* [Bovino] avezado a entrar nos campos cultivados e que, por iso, é malo de gardar. (Piquín, SCHU).

3499 **vergalluda** *adx.* [Vaca] difícil. A nosa fonte escribe *berghalluda*. (San.).

3500 **vezado** *adx.* [Boi] afeito a algo. San. escribe *bezada*; aplícao a unha vaca e define como vaca que volve unha e outra vez a un sitio porque xa lle gustou anteriormente. (Carb-L, EAG, ERG, MVN, San., UCA2, VLLM, XLF2, XTC4, ZM).

3501 ***tozuda** *adx.* [Vaca] que non obedece. (Común).

3502 **esbraviarse** *v.* Embravecerse [unha res]. Dise especialmente das reses novas que se poñen ó xugo por primeira vez. (Barcia).

3503 **esmanzar** *v.* Desmandarse [un animal]. (JASA).

3504 **estanquillar** *v.* Deterse ou pararse un animal [maiormente vacún ou cabalar] e negarse a seguir avanzando. *Estanquilloche alí, e non hai quén-a saque*. (Cospe.).

3505 **plantarse** *v.* Pararse [un animal] sen que haxa medio de facelo andar. (ERG).

3506 **non dar terra ás vacas** *loc. v.* Non dar gardado [as vacas] porque escapan, non as dar recollidas. *Fulanito non dá terra ás vacas*. (Antas4).

3507 **non facer xeira** *loc. v.* Non obedecer [o gando] a quen o chama e, como consecuencia, non arar ben. *O ghado non fai xeira*. "En Fondo de Vila se dice: *Fagher ou non fagher xeira*, congeniar o no congeniar con alguno. *Il non fai xeira coa soghra*. Dicc.: *xeirear*, congeniar, y *ás xeiras*, por veces. Todavía se usa algo más matizado aquí. Así se dice: *O lume non fai xeira* (no acaba de encenderse); *o ghado non fai xeira* (no guía); *o matrimonio non fai xeira* (non se leva)" (ERQ1). Lémbrese que *xeira* é tamén o traballo que fai unha parella de vacas nun día de labor. (Xun2).

3508 **¡ai, que demonia de vaca!** *fórm. fig.* Fórmula para criticar ou reprender unha vaca indócil. (Xun2).

Boi vezado, carreira ó prado. (Carb-L:219; VS)

Boi vezado ao prado non quer batume segado. (VLLM:1,134) [261]

[261] Llópiz: *bezado*; explica que *batume* é a herba cortada para lla dar en verde ó gando. Recólleo na Misión Biolóxica de Gudín (Ponteareas).

Boi vezado tira para o prado. (VLLM:1,133)
Boi vezado, volve ó prado. (MVN:583; MVN2:70; UCA2:26; ERG:boi; XLF2:23; VLLM:1,133; ZM:47; EAG:11; XTC4; VS) [262]
Cando o boi non quer andar, ponte ti a cantar. (VLLM:1,137) [263]
Ó que co demo traballa, os bois se lle desmandan. (ERG:demo; VS) [264]
Quen co demo anda, o boi se lle esmanza. (JASA:325; JASA2:29; JASA3:229; EAG:27; VS) [265]

Neniña ó teu portelo
atravésalle un ramallo
o meu becerro é veceiro
pódeche brincar no prado. [266]

Rapaza io teu portelo
atrancaraslle cun ramallo
o meu becerro é veceiro
váiseche botar ao prado.
Se o teu becerro é veceiro
halo de ir arrecadando
o meu prado non ten herba
para mante-lo teu ghando. [267]

Altas aradas,
vacas raxadas,
ollo formón
e boi renegón. [268]

Atrás daquel coto
hai un boi xoto;
non hai home nado nin por nacer
que na corte o poda meter. [269]

Atrás daquel coto
hai un boi xoto;
non hai home nado nin por nacer
que na corte o poda meter
e, cando el quere, métese. [270]

Atrás daquel valado
hai un touro bravo;
non hai home nado nin por nacer
que á corte o poda traguer. [271]

Entre coto e recoto
hai un boi xoto;
non hai home nin muller
que lle bote o cordel. [272]

Por detrás daquel coto
vén un boi xoto;
e non hai home nacido nin por nacer,
que á corte o poida traguer. [273]

Tras daquel coto
hai un boi xoto,
nin os nacidos
nin por nacer
poden con el. [274]

Falando de gando indócil que foxe ó traballo, presta le-los versos que Crecente Vega titulou *Aquela vaca marela* (16.1.).

[262] No texto: *vòlve ò prado* (MVN); *bói* (MVN2); *ao prado* (UCA2, ZM); *ò prado* (EAG); *volve ó prado*, nun caso, e *volv'o prado*, noutro (XTC4). Llópiz recólleo tamén de M. Valladares coa forma *bezado*, aínda que este escribe *vezado* (MVN2).
[263] Llópiz: *quer(a)*, *tí*; recólleo da Estación pecuaria de Fingoio e di que cadra co italiano *Quando il buie non vuoli* (sic) *arare, tu puoi cantare*.
[264] VS: *O que co demo traballa...* O anacoluto é moi frecuente na paremioloxía.
[265] *Esmanzarse*: desmandarse. No texto: *c'o demo*, *se ll'esmanza* (JASA); *c'o demo* (JASA2); *c'o demo* (EAG); *esmansa* (VS).
[266] SCHU1/2/298. *Veceiro*: de mal costume, dise do gando que ten o vezo de deixa-lo camiño e coller ó revés. No texto: *atravesall'un*.
[267] SCHU5/2/193. No texto: *d'ir, tén.*
[268] Nubes, estrelas, a lúa e mailo sol. ANV5, Gud5, PM:20, APG:142. No texto: *allo formón* (Gud5), *fermón* (ANV5); para este último, o *ollo fermón* é o sol e o *boi renegón* o vento que zoa. E tamén Gud5:32: *allo formón*.
[269] O sol. PM:91, APG:133.
[270] O sol. PM:91.45.
[271] O sol. PM:90. No texto: *balado*.
[272] O vento. PM:400.
[273] O sol. PM:91.45, ANV1:109, APG:134, Gud5:33. No texto: *ven, nado* (PM); *ven* (APG); *d'aquel, ven*, *n'hay, â corte* (ANV1); *de aquel, ven, n-hai* (ANV5).
[274] O sol. APG:133. No texto: *d'aquel*.

3.2.10. Gando que traballa mal

3509 **boiato** *s.m.* Boi desde que se canga por primeira vez, con moita dificultade, ata que remata por adaptarse ó xugo. (CP, Mora4).

3510 **estartaleirado** *adx.* [Boi] que non pode coa carga do carro e tira para un lado e outro, en vez de arrancar para a diante. (Vila.).

3511 **farón** *adx.* [Boi] preguiceiro, que traballa pouco. Nótese que *farona* é un dos varios nomes populares da preguiza. (VLLM).

3512 **moulón** *adx.* [Animal ou persoa] remiso no traballo. (Gud5).

3513 **notorro 2** *adx.* [Animal] criado con vicio, que non traballa. Tamén se aplica ó gando criado en liberdade, non domesticado. (ERQ, Quiro.).

3514 **rabelón 2** *adx.* [Boi] que non obedece ó mando. (VLLM).

3515 **rebelón** *adx.* [Boi] que non vai polo seu sitio. (ERG).

3516 **rouceiro** *adx.* Ver FARÓN /3511. (VLLM).

3517 **turruñón** *adx.* [Animal] que turruña. Ver TURRUÑAR /3537. (Piquín).

3518 **xoubela** *adx.* [Vaca] pequena e lixeira que non quere traballar. (Piquín).

3519 **zorra 2** *adx.* [Vaca] que non quere andar cando se pon ó carro. (Común).

3520 **acontroar** *v.* Acantonar [unha vaca a outra]. (Acevo).

3521 **amouroar** *v.* Apoiarse [unha vaca] na outra cando van xunguidas. (Ced.).

3522 **amouruarse** *v.* Tirar unha contra a outra [as vacas xunguidas], no canto de facelo cara adiante. (Xerdiz).

3523 **apatular** *v.* Baixa-la cabeza [a xugada] nos camiños costentos. *Os bois para arrear co carro apatularon nos repeitos do camiño*. (Parade.).

3524 **atracar** *v. Ú. t. c. prnl.* Empurrar, apoiarse [un animal] contra o outro cando van tirando polo carro ou o arado, dificultando o avance. LG recólleo como pronominal. (Forc1, LG).

3525 **botarse 2** *v.* Puxar [unha vaca] contra a outra cando están xunguidas. (Simes).

3526 **burrar** *v.* Turrar mal do carro ou do arado [unha vaca], para dentro ou para fóra, no canto de tirar dereito para adiante. (Parade.).

3527 **coutarse** *v.* Pararse [unha vaca ou unha cabalería] cando vai coa carga. (Piquín).

3528 **estribar** *v.* Camiñar [a xugada] inclinándose e turrando os dous animais un cara ó outro. (Córco.).

3529 **ghurrar 2** *v.* Ver GURRAR 1 /3530. (Ctel5).

3530 **gurrar 1** *v.* Andar de mala gana [as vacas], puxando unha contra a outra cando van tirando polo carro. *Gurran as vacas no xugo*. (Com1, Ctel1, Pantón).

3531 **marrar 2** *v.* Fallar [un boi] no traballo por cansazo. (VLLM).

3532 **rastrear** *v.* Baixar de máis as cabezas [a xugada]. (Feás-A).

3533 **rebelar 1** *v.* Pararse [a xugada ou a cabalería] cando non pode coa carga. *Rebelaron as vacas*. (Piquín).

3534 **roncear** *v.* Tirar [a xunta] para os lados, cando non pode coa carga do carro ou co arado. (Lagoa).

3535 **trasxugarse** *v.* Botar [as vacas] o corpo enriba da cabezalla. (Ver1).

3536 **turrar 3** *v.* Puxar [unha vaca] contra a outra cando están xunguidas. (Común).

3537 **turruñar** *v.* Ir coa cabeza contra o chan [unha res]. (Piquín).

3538 **xarrear** *v.* Ir [as vacas] na xugada tirando cara a fóra e sen xeito. *As vacas andan xarreando*. (Piquín).

3539 **ser fina** *loc. v.* Ser pouco apta para o traballo [unha vaca] como consecuencia de estar seleccionada para dar leite ou carne. *Ai non, ahora as vacas non traballan, ahora as vacas son señoritas coma xente. As vacas ahora é que xa non queren traballar. Non queren traballar ahora as vacas, que ahora as vacas tamén son finas. ¿Que pensabas?*. Véxase comentario ó refrán *Vaca de leite, pouco traballo*. (Vboi.).

3540 **ser señorita** *loc. v.* Ver SER FINA /3539. (Vboi.).

A boi rebelón, aguillón. (ZM:16; *VS)* [275]
Ó boi rabelón, aguillón. (VLLM:1,128) [276]
Ao boi farón, pouco lle presta o ferrón. (VLLM:1,129) [277]

[275] ZM: *A boi rebelón... aguillón*. VS comenta: *Para vencer sus rebeldías*.

[276] Llópiz di que *boi rabelón* é *buey que se revuelve al mando* de onde se deduce que probablemente *rabelón* nada ten que ver con rabo senón con *rebelar*. Engade que procede dos refráns publicados por Leiras Pulpeiro no *B.R.A.G.*, VI.

[277] Recólleo de A. Abizanda, 1874, *haciendo referencia a escritura gallega del s. XVIII*; e engade *Boy farón, buey roncero, cobardón o remiso*. A E. Espasa comenta o equivalente castelán así: *La persona lerda y perezosa, por mucho que la estimulen, nunca sale de su paso*.

Ao boi rouceiro pouco lle presta a guillada. (VLLM:1,129) [278]
Ó boi pousón, pouco lle importa o aguillón. (ERG:boi)
Boi bravo, vente ó carro, que o manda o Apóstol Santiago. (EGE:57; VS) [279]
Boi marelo, pouco andar e moito penso. (ERG:boi)
O boi marelo, lapón ou zoupeiro. (VLLM:1,147) [280]
O boi marelo, zoupo ou larpeiro. (VLLM:1,147)
Boi que non ara a miña leira, saque torta a embelga/allea. (VLLM:1,135) [281]
Boi que non fai os meus regos, saque tortos os alleos. (VLLM:1,135) [282]
Boi que non ara, aguillada nas costas. (XTC4)
Boi que non ara vai prá cortadoría. (VLLM:1,135) [283]
Boi que non ara, no macelo para. (VLLM:1,135) [284]
Boi que non garda o rego, engordalo e vendelo. (VS)
O boi que non garda o rego, engordalo e vendelo. (VS)
Boi que non val pra o carro, val pra o arado. (VLLM:1,135) [285]
Mal pra o carro, pior pra o arado. (VLLM:1,143) [286]
Si mal vai o boi no carro, pior irá no arado. (VLLM:1,153)
O boi cando é vello faise un maulón. (VS) [287]
O boi que alza e o boi que abaixa non fan boa xugada. (ERG:boi)
O demo é iste boi rabón, farto de palla non quer arar non. (VLLM:1,147) [288]
Vaca de leite, pouco traballo. (XLF2:68) [289]

3.2.11. Vacas que non se deixan muxir

3541 **dureira** *adx.* [Vaca] que non solta ben o leite ó muxila. (LP).
3542 **elétrica** *adx.* [Vaca] que non se deixa muxir. (Saln.).
3543 **patadenta** *adx.* [Vaca] que non se deixa muxir. (Común).

A vaca boa, que dea unha canada de leite pouco importa, si de unha patada a deborca. (VLLM:1,131) [290]

---

[278] Llópiz explica *rouceiro* como remolón.

[279] VS: *Apóstolo Santiago*. Di Saco que *Se dice en S. Julián de Vea (Estrada), y alude a la referencia tradicional de que los toros bravos del país, se dejaron uncir al carro para conducir a Compostela los restos del Santo Patrón de España*.

[280] Estes refráns aluden a dous frecuentes defectos dos bois marelos que ou comen moito ou traballan pouco e contradinse con aquel que di *O boi e a muller da terriña ten que ser*. Recólleos de López Lago (*La Soc. Gall.*).

[281] Llópiz explica que *envelga y rego* son *besana, conjunto de surcos que va escalonando el arado*; explica que non tendo proveito propio, pouco importa o prexuízo que cause ó alleo. Recolle a primeira forma de Justo E. Areal (Tui 1900) e a segunda do *Folklore del Valle del Rosal (La Guardia)*.

[282] Llópiz recólleo de P. Rivas Tellado (Coruña, 1919).

[283] Llópiz: *pra cortadoria*.

[284] Llópiz di que pertence ó séc. XVII, segundo Marcellán; explica que *macelo* é un departamento nas cortadorías onde se sacrificaban as reses. Noutro lugar defíneo como *tundidor con que se sacrifican las reses*.

[285] Llópiz: *pra*-o. Recólleo de A. González, sacerdote de San Cristovo de Martín (Lugo).

[286] Llópiz: *prao*; recólleo de Saco y Arce. Compárao con aqueloutro que di *Boi que non val pra o carro, val pra o arado* e di que o de Saco está máis en razón, porque o arado quere bois corpulentos e animosos.

[287] VS nun dos mss. escribe *un moulón.*

[288] Llópiz di que hai un sinónimo na antiga col. de Hernán Núñez. Ben mirado, alí está *El diablo es este buey rabón, harto de paja y no quiere arar non.* Non se ve clara a relación que pode haber entre te-lo rabo cortado e non querer traballar pero nos primeiros dicionarios casteláns a voz *rabón* xa ten ese significado, aínda que se pareza algo ó galego *rebelón - rabelón*.

[289] Reflicte unha das consecuencias da especialización na selección gandeira: segundo se vai perfeccionando a aptitude nunha das producións, neste caso a leiteira, vanse perdendo capacidades para outras, neste caso a do traballo. Lembramos un comentario que fixo un home da aldea contra 1965, cando viu unha postal típica galega, na que aparecían uns mozos co traxe tradicional galego chamando as vacas postas ó carro entre un palleiro e un hórreo: as vacas eran frisoas e o paisano facía a risa de toda aquela teatralidade, dicindo que o máis disparatado era poñer ó carro unhas vacas suízas (que era como daquela se chamaban), sabendo que esas vacas *son tan señoritas* que non valen para faceren traballo ningún. *¿Pero os que fixeron o retrato pensan de certo que as vacas suízas poden traballar ó carro?*

[290] Llópiz recólleo de V. Risco (*Notas para...*, Orense 1954). Explica que é así porque se perde o proveito todo, e engade: *Tiene este prov. un fondo moral muy sutil y quiere presentar gráficamente, como una sucesión de buenas acciones, puede quedar anulada por una traición final*.

A vaca con vicio dá co pé na canada. (XTC4) [291]
Pouco importa que encha a canada se a tira cunha patada. (VS) [292]
O demo é unha vaca e non hai quen a munxa. (Corme1:505; VS)
Vaca que non dá leite, quer se tumbe quer se deite. (Grou)
Vaca cornuda nin dá leite nin turra. (RCI:149)

3.2.12. Embestir, cornear

Os bovinos para atacaren primeiro abaixan a cabeza. Na Idade Media falábase de *cornos merxudos* (escrito *merjudos*), cando se inclinaban cara a baixo (cabeza e cornos) para embestiren. Aparece nas Cantigas de Santa María (CSM 47, 22-31).

Pero beved'estava
muit', o monge quis s'ir
dereit'aa eigreja;
mas o dem'a sair
en figura de touro
o foi, polo ferir
con seus cornos merjudos,
ben como touro faz.
Virgen Santa Maria,
guarda-nos, se te praz,
da gran sabedoria
que eno demo jaz.
Quand'esto viu o monge,
feramen s'espantou
e a Santa Maria
mui de rrijo chamou,
que ll'apareceu logu'e
o touro' amêaçou,
dizendo: "Vai ta via,
muit'es de mal solaz'
Virgen Santa Maria..."

Non nos parece que esta denominación siga viva, a pesar de que o verbo *merxer* aparece co valor de "inclinar" nos dicionarios de eruditos coma Filgueira e Carré, cousa que quizais non se deba tanto a que o escoitaron no galego vivo senón a que o leron nas Cantigas de Santa María (onde tamén se falaba dunha vaca que viña coas súas *orellas merxudas* [293]). Nós o verbo *merxer* só o localizamos unha vez (Melias) co significado de "bruar" e, en consecuencia, non podemos incorporalo co valor de "abaixar para atacar" coma se hoxe estivese vivo.

> *Noutras ocasións son os cornos os que fan das súas; lembrareime sempre dunha mociña de catorce anos que axudaba a sua nai a gradar chamándolle a vaca, un extremo da leira era un cómaro onde a nai lle falaba á vaca para que se achegase ben e a rapaza subía ó roleiro. Nunha destas a nai berroulle forte á vaca dándolle de paso unha vareada. O animal ergueu a cabeza e espetoulle un corno polo curso a rapaza que estaba de espaldas* (MRP:108).

Se o lector quere ler algo referido a como e cando ataca o boi na tauromaquia, vaia ó capítulo 11 e vexa a epígrafe 11.12.3.2.

Imos ver que a palabra *turrar* ten en moitos lugares de Galicia o valor de "embestir" (*turrar* 1) pero tamén o de "puxar unha vaca contra outra" (*turrar* 3). Nalgunhas zonas de Galicia distínguese entre *turrar* 'puxar coa cabeza, porfiar, teimar' e *escornar* 'cornear, ferir cos cornos'; distinción que se pode ver non capítulo 16,1. no poema de Crecente Vega *A Teixa i a Gallarda.*

---

[291] No texto: *da, pe*. Chama a atención a ampla representación que ten nos refraneiros a variante que reflicte esta mesma actitude desagradecida na cabra: *A cabra co vicio dá cos cornos no cu*, con lixeiras variacións pero sempre coa mesma idea.

[292] VS: *q'hench-a canada, c'unha patada.*

[293] *E proen'un aldeão / de Segovia, que morava // na aldea, hûa vaca / perdera que muit'amava; // e en aquela ssazon // foran y outras perdudas, // e de lobos log'enton // comestas ou mal mordudas. // // Tanto, se Deus me perdon, // son da Virgen connçudas // sas mercees, que quinnon // queren end'as bestias mudas. // E porque o aldeão / desto muito se temia, // ante sa moller estando, / dis assi: 'Santa Maria, // dar-t-ei o que trag', en don, // a vaca, se ben m'ajudas // que de lob'e de ladron // mia guardes; ca defendudas. // Tanto, se Deus me perdon... // Son as cousas que tu queres; / e por aquesto te rogo // que mi aquesta vaca guardes' / E a vaca vêo logo // sen dan'e sen ocajon // con ssas orellas merjudas, // e fez fillo sen lijon // con sinaes pareçudas. // Tanto, se Deus me perdon...*(CSM:31).

3544 **bimbión** *s.m.* Embestida, acometida. (ERG, LG).
3545 **cacheirazo** *s.m.* Golpe dado pola vaca a alguén coa cabeza. (Ctel1).
3546 **cenestro** *s.m.* Ver RESABIO /3561. (LG).
3547 **controada** *s.f. Ú. m. en pl.* Golpe que dá coa testa [unha vaca a outra]. *Loitar, dar coa testa controadas ou ter encontros, topeñadas, trucos e empuxós co resto do gando*. (Parade.).
3548 **cornada 1** *s.f.* Acción de embestir un bovino cos cornos. *Paséille a man polas ancas pra ila aloumiñando e funlla metendo ó ubre. Daquela, a vaca dou en beilar. Intentéi de novo, pro a cousa foi pior; dou en coucear ó lonxe e dar cornadas pra tras, que por pouco me reventa* (GB2:108). (Común).
3549 **cornada 2** *s.f.* Golpe dado coa punta dos cornos. (Cove., ERG).
3550 **corneamento** *s.m.* Acción e efecto de escornar. (Gro7).
3551 **cotifón** *s.m. Ú. m. en pl.* Repuxón coa cabeza que dan os becerros. Ver COTIFAR /3634. (Parade.).
3552 **coturrada** *s.f.* Embestida. (Gui.).
3553 **derrote** *s.m.* Cornada de abaixo a arriba. (LG).
3554 **embestida** *s.f.* Ataque dunha vaca ou boi a alguén. (Gro1).
3555 **escornada 1** *s.f.* Cornada. *Ó boi escorneador nunca lle faltou a súa escornada* (VLLM). (VGR, VLLM).
3556 **escornadura 1** *s.f.* Acción e efecto de escornar o escornarse. (ERG).
3557 **escornón 1** *s.m.* Cornada. (VLLM).
3558 **learaza** *s.f.* Loita entre o gando. (Parade.).
3559 **lida** *s.f.* Loita entre o gando vacún. (Xun2).
3560 **quinada** *s.f.* Golpe dado con algo que fai esquina ou acaba en punta, coma tal o corno. *A vaca deulle unha quinada*. (Xun2).
3561 **resabio** *s.m.* Memoria dos malos tratos que os bovinos acumulan e que se manifesta con agresividade cando senten que se vai repetila situación anterior. *Así como no toureo hai machos con sentido*, *con malicia, as vacas poden saír con moito 'cenestro' ou 'resabio'*. (LG:26.04.1998).
3562 **sopeixón 1** *s.m.* Sacudida ou embestida brusca. (Lan.).
3563 **testoirada** *s.f.* Golpe que dan coa testa os bovinos. (Piquín).
3564 **topeñada** *s.f.* Golpe que dan coa cabeza os bois. Tamén se aplica ós golpes recibidos na cabeza dos homes e doutros animais. (ERG, Parade.).
3565 **trucada** *s.f.* Golpe que dan os animais cando embisten. *E o probe avó como tiña unha perna tesa a causa dunha trucada que lle dera unha vaca brava, non podía arrodillarse e estaba sentado ós pés da cama sobre dun tallo* (XdM:165). (Dum., ERG, XdM).
3566 **truco** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver TRUCADA /3565. (Parade.).
3567 **turneirada** *s.f.* Trucada dunha vaca, carneiro ou calquera outro animal con cornos. (Ibias2).
3568 **turrada** *s.f.* Embestida. (Cab., Com1, Goián, Goián2, MLP, Ribe2).
3569 **turreada** *s.f.* Embestida. (VGR).
3570 **turriada** *s.f.* Embestida. (VGR).
3571 **boi renegón** *loc. s.* Sol. Úsase nas adiviñas. (PM:20).
3572 **boi torto** *loc. s.* Sol. Úsase nas adiviñas. (PM:91, PM:400).
3573 **boi xoto** *loc. s.* Sol ou vento. Úsase nas adiviñas. (ANV1:109, ERG, PM:91, PM:400).
3574 **touro bravo** *loc. s.* Sol. Úsase nas adiviñas. (PM:90).
3575 **aliñón** *adx.* Ver TURRÓN /3608. Véxase o poema *Bois burdiós* de Uxío Novoneyra no capítulo 16.1. (Cou4,LG, Seo.).
3576 **arrometoa** *adx.* [Vaca] que embiste contra a xente. (Suarna).
3577 **billardeira** *adx.* [Vaca] escorneadora, coa que hai que andar con moito tino. (Vala.).
3578 **botona** *adx.* [Vaca] que se bota á xente con intención de escornar. (Gud5, Raiaseca).
3579 **corneadora** *adx.* [Vaca] que cornea e golpea as outras. (Cam1, ERG).
3580 **cortelleira** *adx.* [Vaca] que non sae da corte e, cando sae, tourea. (Común).
3581 **cota 1** *adx.* [Vaca] que truca á xente. (Común).
3582 **cotena** *adx.* Ver COTA 1 /3581. *Nin muller trintena nin vaca cotena*. (VS).
3583 **coteña** *adx.* [Vaca] que escorna ás outras. (Sou1).
3584 **escornador** *adx.* [Boi ou vaca] que embiste ás outras ou á xente. *Boi ou vaca escornador, canto máis lonxe mellor*. (Ctel1, VLLM).
3585 **escornallón** *adx.* Ver ESCORNADOR /3584. (Piquín).
3586 **escorneador** *adx.* Ver ESCORNADOR /3584. (VLLM).
3587 **escornón 2** *adx.* Ver ESCORNADOR /3584. (Porto, VLLM).
3588 **escurnón** *adx.* [Boi] que é propenso a embestir. (Ibias2).
3589 **fosco** *adx.* En Mra. e Cal. é "de color escura" pero encontrámolo nun refrán con probable valor de irritable: *Ó boi fosco, non lle olles ó rostro*. (VLLM).
3590 **ghiña** *adx.* [Vaca] que escorna ás outras. (Arc1).
3591 **leador** *adx.* [Bovino] propenso a learse. (Piquín).
3592 **leona** *adx.* [Vaca] que pelexa coas outras. (Mel1, San.).
3593 **loutón** *adx.* [Vaca] pelexona. (Ctel1).
3594 **monisqueta** *adx.* [Vaca] que fai ademán de embestir. (Hermi.).
3595 **peleona** *adx.* Ver PELEXONA /3596. (Ctel1).
3596 **pelexona** *adx.* [Vaca] que é mala para as outras vacas da mesma corte. (Ver2).
3597 **repotón 2** *adx.* Ver TURRÓN /3608. (Cañiza).
3598 **roma 1** *adx.* [Vaca] que turra con facilidade. (Lim2).

3599 **romelgada 2** *adx.* [Vaca] que ten o costume de embestir. (Ancares2).
3600 **romón** *adx.* Ver TURRÓN /3608. (Osoño2).
3601 **tola 2** *adx.* [Vaca] que embiste e dá patadas. (Callo.).
3602 **topona 1** *adx.* [Vaca] que embiste con facilidade. (Ped1).
3603 **torroa** *adx.* [Vaca] que embiste e á que se lle poñen bólas nos cornos para que non faga mal. (Mel1).
3604 **truqueña** *adx.* [Vaca] brava, que embiste, perigosa. *A vaca truqueña, mandala pronto prá feira*. (VS).
3605 **tupona** *adx.* Ver TOPONA 1 /3602. (Mra.).
3606 **turnión** *adx.* [Animal] que turnea ou embiste. (Ibias1, Ibias2).
3607 **turrión** *adx.* Ver TURRÓN /3608. (Drago., ERQ2, FA, Suarna, VLLM4).
3608 **turrón** *adx.* [Boi ou vaca] que embisten con facilidade. *O comprador pode desfacer o trato si a res ten 'vicios ocultos' (si saíu turrona, si ten certas enfermidades etc.)* (Tebra2:15). O noso informante en Per1 atribúe este defecto das vacas a que "contraen unha especie de enfermidade nerviosa". (Común).
3609 **acornar** *v.* Embestir, cornear. (CP, ERG).
3610 **acotifar** *v.* Ver COTIFAR /3634. (Parade.).
3611 **agarrar 2** *v. Ú. t. c. prnl.* Trucar [unha vaca a outra]. (Arroxo, Arzón, Ces., Rib-S, Xudán1).
3612 **agarrear** *v.* Ver AGARRAR 2 /3611. (Carb3, Noice.).
3613 **agharrar 2** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver AGARRAR 2 /3611. As nosas fontes escriben *ajarrar* e *ajarrarse*. (Bas., Buga-N, Couce., Cur., Dúas, Lañas, Negr2, Poulo, SComba, Vviño).
3614 **agharrichar** *v.* Ver AGARRAR 2 /3611. A nosa fonte escribe *ajarrichar*. (Razo).
3615 **agherrear** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. A nosa fonte escribe *agerrear*. (Cam4).
3616 **aliñar** *v.* Embestir [unha vaca a alguén]. (Cou1, Cou4, Ped1, Vixoán).
3617 **amarrar 2** *v. Ú. t. c. prnl.* Trucar [unha vaca a outra]. A nosa fonte escribe *amarrase* en Vill-O. (Ced., Morai., Vill-O).
3618 **arremeter** *v.* Embestir [unha vaca a alguén]. (Anseán, Busta., Com1, Cubi2, Fara., Gui., PSil).
3619 **arrometer** *v.* Ver ARREMETER /3618. (Arroxo, Bidu., Calo, Com1, Ram., Rib-S, Suarna).
3620 **arrometir** *v.* Ver ARREMETER /3618. (Arme.).
3621 **ascornar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver ESCORNAR 1 /3657. (Rama.).
3622 **atacar** *v.* Embestir. (ERG).
3623 **atiase** *v.* Pelearse entre elas [as vacas]. Na fala de Sisterna pérdese o *r* ante *s* nos verbos pronominais (*abatingase*, *cariñase*, *cingarrase*, *debuchase*, *siringase*) pero a mesma fonte dá tamén *aguinzarse* e *anabarse*. (Ibias2).
3624 **atrucarse** *v.* Ver TRUCAR /3699. (Negr2).
3625 **botarse 1** *v.* Embestir [a vaca a alguén]. (Gud., Gud5, Lamas).
3626 **bucar** *v.* Embestir [a vaca a alguén]. (Com4).
3627 **cascar** *v.* Cornear [a vaca]. (Arzón, Lous., SComba, Vcova).
3628 **cornear 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Trucar [unhas vacas a outras]. (Bidu., Calo, Cang3, Com1, CP, ERG, Gro1, Noal, Sisto).
3629 **cotar** *v.* Embestir [unha vaca] contra alguén. (Antas3, Cadrón, Callo., Cod., Com1, Couso, CTui, Cunt3, Estr4, Fol-C, Lagar., Lava., Lucí, Mour1, Rib-E, Ribad., Somo2, Teo, Vedra, Xeve).
3630 **cotare** *v.* Ver COTAR /3629. (Fuxás, Pre.).
3631 **cotear** *v.* Ver COTAR /3629. (Vcova).
3632 **coteñar** *v.* Ver COTAR /3629. (Cerd2).
3633 **cotexar** *v.* Ver COTAR /3629. (Carr-C).
3634 **cotifar** *v.* Golpear ou turrar [o becerro] coa cabeza. *'Acotifar' ou 'cotifar' é dar 'cotifós' ou empuxós coa cabeza os becerros. 'O becerro en canto chegas onde a il, xa comeza a cotifar nun'*. (Parade.:278).
3635 **curnar** *v.* Ver ESCORNAR 1 /3657. (Fózara).
3636 **cuturrar** *v.* Ver TURRAR 1 /3707. (Rábade).
3637 **chocar** *v.* Embestir, arremeter, pelexar. (ERG).
3638 **darse 1** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. Verdía di *tarse dando*. (Beman., Oroso1, TapiaC, Verdía).
3639 **desapartir** *v.* Separar [o gando] cando loita entre si. *Cando se lean as vacas, o can desaparta-as* (sic por *desapárteas*). (Parade.).
3640 **embestir** *v.* Ir con ímpetu [un bovino] contra alguén. O noso informante en Zolle explica que se emprega *embestir* cando acometen co corpo todo, pero que si o fan só cos cornos dise *escornar*. (Común).
3641 **embistir** *v.* Ver EMBESTIR /3640. (CTui).
3642 **encornar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Dar cornadas, acometer, ferir cos cornos. ERG recolle tamén o uso recíproco de ferirse mutuamente cos cornos. (Ancares2, ERG).
3643 **engancharse** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. (Val-LE).
3644 **enghadellarse** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. A nosa fonte escribe *enjadellarse*. (Nive).
3645 **enlear** *v.* Ver LEAR /3676. (Medín).
3646 **enliarse** *v.* Ver LIAR /3677. (Vi-Val).
3647 **enturrar 1** *v.* Ver TURRAR 1 /3707. (Cab., Feás-A).
3648 **enturriar** *v.* Ver TURRAR 1 /3707. (Laxe).
3649 **erghodar** *v.* Ver ERGODAR /3650. *Curre que pelexan: xa erjodan na terra os bois*. (Xun2).
3650 **ergodar** *v.* Escarvar [o gando] na terra coas patas, cando vai atacar. (LG).
3651 **esbervexar** *v.* Ver ESBRAVEXAR /3652. (Piquín3).
3652 **esbravexar** *v.* Debaterse por saír de debaixo do seu inimigo [o animal que caeu na loita]. (Barcia).

3653 **esbravuxar** *v.* Ver ESBRAVEXAR /3652. (Barcia).
3654 **esbrevexar** *v.* Ver ESBRAVEXAR /3652. (Made.).
3655 **escorcar** *v.* Embestir [a vaca a alguén]. (Sabu3).
3656 **escornallar** *v.* Ver ESCORNAR 1 /3657. (Piquín).
3657 **escornar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Trucar [unhas vacas a outras ou á xente]. ERG dáo como transitivo e pronominal. Recollen *escornarse*: Anseán, Arme., Cang2, Chan., Corb3, Gaxate, Melias, Mira., Mosen., Negral, Sisán, Somo1, Vi-Val., Viso2. Anseán explica que *escornar* implica que a vaca que escorna é superior á outra; se estan parellas de forza, simplemente *pelexan*. En Zolle, *escornar* é golpear co corno a outra vaca ou a alguén. *O boi que me escornou en boa parte me deitou* (ANV1). *Deulle unha vena (á vaca) e saltou con il, escornouno todo* (Antas4). *E déronlle a meu tío dazaseismil reás pola vaca vella, que nunca escornóu a ninguén nin tiróu coa canada do leite* (XVP1:18). (Común. ILG:50 (C:2, LU:10, OU:13, PO:24, GExt.:1)).
3658 **escornare** *v.* Ver ESCORNAR 1 /3657. (Fuxás, Gro1, Noalla, Pre., Valad2).
3659 **escornear** *v. Ú. m. c. prnl.* Ver ESCORNAR 1 /3657. *Na terra allea, a vaca ó boi turra i escornea* (VLLM). (Baña2, Buga-A, Casal., Ces., Com1, Covas, CP, Cruído, Cur., Eixo, Estr3, Figue1, Gui., Grixoa, Lampón, Laraxe, Laxe, Macei., Medín, Pravio, Sende., Tabor., Teo, Toba, Troán1, Valen., Vilar., VLLM, Vxoán., Zamáns).
3660 **escornichar** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. (Corre.).
3661 **escornonar** *v.* Ver ESCORNAR 1 /3657. (Zamáns).
3662 **escurrutar** *v.* Trucar, embestir. *O que anda cos bois, a escurrutar deprende*. (VLLM).
3663 **esgarabatar** *v.* Escarbar no chan cos pezuños, sen profundizar. (VLLM).
3664 **esghurriar** *v.* Ver ESGORRIAR /3665. A nosa fonte escribe *esjurriar*. (Ribad.).
3665 **esgorriar** *v.* Turrar, cornear. *¡Malas vacas te esgorríen!* é antiga expresión de desagrado en Betanzos sg. VLLM 1,505. *O can ladra e o gato rabuña, a vaca esgorría e o furaño fura*. (VLLM).
3666 **estribillarse** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. (Arzón).
3667 **esturriar** *v.* Embestir, cornear. En Viana do Bolo está viva a palabra *esturruar* co significado de moverse de maneira violenta e desordenada, coma tal, os nenos que se poñen a brincar enriba dunha cama ou sofá; pero alí non se aplica ó gando. (Ferr.).
3668 **filarse** *v.* Pelexar [as vacas unhas coas outras]. (Adelán, Fre., Gro1, Vala.).
3669 **garrearse** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. (Oirán).
3670 **gharrear** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. A nosa fonte escribe *jarrear*. (Baíñas, Sofán, Vtose.).
3671 **gherrear 1** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. A nosa fonte escribe *jerrear*. (Rus, Sofán).
3672 **ghurrar 1** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. A nosa fonte escribe *jurrar*. (Mour1, PCal2, Xeve).
3673 **imbistir** *v.* Ver EMBESTIR /3640. A nosa fonte en Ben. escribe *inbistir*. (Ancares2, Ben.).
3674 **inferir** *v.* Embestir [a vaca a alguén]. Sorprende como nesta denominación se conserva o significado orixinal do latín *inferre*: atacar, asaltar, precipitarse sobre alguén. (Samos3).
3675 **iscurner** *v.* Ver ESCORNAR 1 /3657. (Ancares2).
3676 **lear** *v. Ú. t. c. prnl.* Pelexar [unha vaca con outra]. (Abadín, Anca, Antas3, Barre., Caa., Camba, Carde., Codeso., Gui., Laxosa, Medín, Meira2, Parade., Pedro., Per1, Piquín, Rábade, Rendal, Veste.).
3677 **liar** *v. Ú. t. c. prnl.* Trucar [unha vaca a outra ou a alguén]. (Aranga, Car2, Cervá1, Cervá2, Cur1, Lago, Laraxe, Leir-A, Meir., Melias, Negral, Pade., Piñe., Ribe1, Samos3, Taboa.).
3678 **lidar** *v.* Loitar, pelexar [o gando vacún] entre si. (Ribó, Xun2).
3679 **loitar** *v. Ú. t. c. prnl.* Dar [unha res] coa testa controadas ou ter encontros, topeñadas, trucos e empuxóns co resto do gando. O noso informante de Alence recolle *loitarse*. (Alence, Parade.).
3680 **loutar** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. (Lamas, PSeca).
3681 **mallar 1** *v.* Cornear. (VLLM).
3682 **marrar 1** *v.* Escornar [uns bois ós outros] pero sen se mancar. (VLLM).
3683 **monear** *v.* Ameazar sen embestir. (Caa., Cab., Damil).
3684 **partir 2** *v.* Trucar, turrar. *O boi vello é moi estrañón: hainos que, cando cambian de dono, parten pra quen os levou*. (Ctel1).
3685 **pechar 2** *v. Ú. t. c. prnl.* Trucar [unha vaca a outra]. Ben., Caa., Cab. e Oirán recollen a forma pronominal. (Ben., Caa., Cab., Oirán, Xudán1).
3686 **pegar** *v. Ú. t. c. prnl.* Trucar [unha vaca]. En Caa., Cab. e CReis2: *pegar*; en Crendes: *pegarse*. (Caa., Cab., CReis2, Crendes).
3687 **peghar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver PEGAR /3686. As nosas fontes en Abe., Agro., Caa. e Miñor2 recollen *peghar*; en Carr-C, Couso, Lendo, Lestón, Peroxa e Saiar, *pegharse*. (Abe., Agro., Caa., Carr-C, Couso, Lendo, Lestón, Miñor2, Peroxa, Saiar).
3688 **pelexar** *v.* Trucar [as vacas unhas a outras]. Anseán especifica que *pelexar* é cando as vacas semellan en forza, e *escornar* é cando unha é máis forte cá outra. (Alla2, Amandi, Anseán, Busta., Cadrón, Callo., CarbCo., Carr-G, Cerd2, Cere., CTui, Cubi2, Cunt2, Dis., Dúas, Enxames, Fara., Fol-C, Fózara, Gud., Lagar., Lava., Oliv., Oroso2, Penela, PSil, Rib-E, Sabu3, Salv3, Somo2, Tab1, Vil., Vixoán, Vrei., Xun.).

3689 **refucirse** *v.* Rebotarse [un animal contra un]. (Piquín).
3690 **repotar** *v.* Turrar. (Cañiza).
3691 **romar** *v.* Trucar. Rivas Quintas aplícao exclusivamente ós bovinos. (ERQ, Lim3, Pentes1, PSeca, Osoño2).
3692 **tomarse** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. (Fol-LE).
3693 **topar** *v.* Embestir. (Amandi, Cal., Dis., Laxosa, Morei., Pantón, Ped1, Penela, Rus, Vixoán, Xun.).
3694 **topenar** *v.* Dar topeñadas. (ERG).
3695 **torriar** *v.* Ver TURRAR /3707. (Val-LE).
3696 **toupar** *v.* Ver TOPAR /3693. (Ver1).
3697 **tourear 2** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. (Noalla).
3698 **trompar** *v.* Embestir [a vaca a alguén]. (Borre.).
3699 **trucar** *v. Ú. t. c. prnl.* Embestir [a vaca contra outra ou contra alguén]. En Com1, Conxo, Gro1 e SComba: *trucarse*. (Agro., Baíñas, Baña2, Buga-A, Buga-N, Cabal., Cang3, Com1, Conxo, Corb., Covas, Cruído, Cunt2, Cunt3, Dum., Figue2, Grixó, Lampón, LG, Medín, Miñor2, Morai., Negr2, Noalla, Oroso2, Ortoño, Pal., Peroxa, SComba, Sisto, Tab1, Tabor., TapiaC, Toba, Viso1, Viso2, VLLM, Vnova2, Vtose.).
3700 **trupar** *v.* Ver TRUCAR /3699. (Manza., Randu.).
3701 **tucar** *v.* Ver TRUCAR /3699. (Nove.).
3702 **tupar** *v.* Ver TOPAR /3693. (Cal., Cere., Mra.).
3703 **turnar** *v.* Embestir [a vaca a alguén]. Temos dúbidas sobre se esta voz está ben recollida ou é *turrar*. (Crendes, Lañas, Leir-A, Pravio).
3704 **turnare** *v.* Ver TURNAR /3703. Temos dúbidas de se esta voz está ben recollida ou é *turrare*. (Ces.).
3705 **turnear** *v.* Ver TURNAR /3703. (Ibias1).
3706 **turniar** *v.* Ver TURNAR /3703. (Ibias2).
3707 **turrar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Embestir [a vaca contra outra ou contra alguén]. Ademais, en Burgo, Cervá1, Com4, Cur., Fre., Meira2, Nove2 e Vala1: *turrarse*. (Común. ILG: 81 (C:56, LU:19, OU:2, PO:3, GExt.:1)).
3708 **turrare** *v.* Ver TURRAR 1 /3707. (Ces., Lendo, Negra.).
3709 **turrear** *v.* Ver TURRAR 1 /3707. (ERG).
3710 **turriar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver TURRAR 1 /3707. (Drago., VGR).
3711 **xibarse** *v.* Trucar [unha vaca a outra]. (Mondo1).
3712 ***pelear** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver PELEXAR /3688. En Arca, Bar-Co., Bidu., Boi., Calo, Carbal., Com1, Eixo, Gro1, Noal, Ortoño, Valad1, Vcova., Viso1, Viso2 recollen *pelear*; en Beman., Carño2, Corre., Grixoa, Lous., Lucí, Mondo2: *pelearse*. (Arca, Bar-Co., Beman., Bidu., Boi., Calo, Carbal., Carño2, Com1, Corre., Eixo, Grixoa, Gro1, Lous., Lucí, Mondo2, Noal, Ortoño, Valad1, Vcova., Viso1, Viso2).
3713 **dar un cutifún** *loc. v.* Dar un golpe [unha vaca] coa cabeza. Cou3 usa a var. máis frecuente nos dics. *cutifón*. *E resulta que, vaise o toro e fixo averías, e montou na vaca, e a vaca deulle un cutifún a un home, parece que mancou o home...* (XPP:69). Como fórmula de ameaza témolo recollido en LT2:93 e Cou3: *A tía soio me contestaba: 'Cala, rapaz. Vas lamber un cutifón'* (Cou3:122). (XPP).
3714 **dar unha *vena** *loc. v.* Alterar repentinamente [unha vaca] o seu habitual comportamento manso. *Deulle unha vena [á vaca] e saltou con il, escornouno todo*. (Antas4).
3715 **eichar el catu** *loc. v.* Facer ademán de embestirse [as vacas]. (Ibias2).
3716 **entrar ás turradas** *loc. v.* Trucar [unha vaca a outra]. (Ribe2).
3717 **facer unha falsa 1** *loc. v.* Realizar [unha vaca] unha acción inesperada, tal como un couce ou unha escornada. (Ctel1).
3718 **irse á xente** *loc. v.* Embestir [a vaca a alguén]. (Negral).
3719 **ter encontros** *loc. v.* Darse golpes coa testa [uns animais cos outros]. (Parade.).

A boi bravo nunca lle faltou cornada. (Rib3) [294]
*A boi *peleón nunca lle faltarán cornadas.* (VS)
A ningún boi escornón lle falta unha cornada. (Viana5)
Ao boi escorneador nunca lle faltou a súa escornada. (VLLM:1,128)
Ao boi escornón non lle falta escornada. (VLLM:1,128) [295]
Boi escornón recibe cornadas. (XTC4)
Non hai subida sin baixada nin boi pelexón sin cornada. (VS)
Ó boi cornalán, nunca lle faltan cornadas. (SCD:66) [296]
Ó boi escornón non lle faltou unha cornada. (Vigo1) [297]

[294] Porque a un home valente sempre hai outro que lle fai fronte. Na Gudiña: *Nunca a un valente lle faltou unha cornada* (Gud5:114). Ou tamén: *Nunca faltou un roto pra un descosido nin un corno pra un atrevido* (XTC4).
[295] Llópiz di que o recolle de V. Risco (*Notas para...*, Orense 1954); engade que cadra co cast. *A un matón nunca le falta su matadura*.
[296] Explícao así: *El que es travieso siempre lleva algún testarazo*. No texto: *O boi*.
[297] Díselle ós que abusan dos outros e un día alguén lles para os pés cun bo disgusto.

Ó boi escornón nunca lle faltou unha boa cornada. (Sob3) [298]
Ó boi loitador nunca lle faltou unha cornada. (XLF2:48)
Ó boi pelexón nunca lle fallaron cornadas. (MRL) [299]
Ó boi pelexón nunca lle falta un escornón. (VLLM:1,129) [300]
Ó boi pelexón nunca lle falta unha cornada. (XTC4)
Ó boi pelexón nunca lle faltou unha cornada. (VS)
Ó boi turrión nunca lle faltou unha cornada. (VS4) [301]
Pró boi traidor, nunca faltou unha boa cornada. (ERQ2:escornar) [302]
A vaca truqueña, mandala pronto prá feira. (VS) [303]
Ao boi fosco, non o olles ao rosto. (VLLM:1,129) [304]
Boi bravo, alza o rabo. (VLLM:1,150) [305]
Boi bravo arrecacha o rabo. (VLLM:1,150) [306]
Boi bravo leva o rabo alzado. (VLLM:1,154)
Boi bravo leva o rabo recachado. (VLLM:1,154) [307]
O touriño, cando é bravo, ao andar recacha o rabo. (VLLM:1,150) [308]
Touro bravo ergue o rabo. (VLLM:1,150) [309]
Touro bravo leva o rabo recachado. (VLLM:1,154) [310]
Boi e vaca escornador e xente de señorío, canto máis lonxe, millor. (VS)
Boi e vaca escorneador, e xente de servicio, canto máis lexos mellor. (VS)
Boi escorneador, canto máis lexos, millor. (VLLM:1,134) [311]
Boi ou vaca escornador, canto máis lonxe mellor. (VLLM:1,134) [312]
Boi ou vaca escorneador e xente de señorío, canto máis lexos mellor. (VLLM:1,134) [313]
Do boi turrador, canto máis lonxe millor. (VLLM:1,140) [314]
Boi manso matou o home. (VS) [315]
Boi morto, cornos que non turran/trucan/escornan. (VLLM:1,134) [316]
Boi que escorna, escorna i escornará. (VS) [317]
Boi que escorna, escornou e escornará. (UCA2:26; EAG:11) [318]
Boi que marra, quer cabana/choupana. (VLLM:1,134) [319]
Boi que me escornou, en boa parte me deitou. (VLLM:1,135) [320]

---

[298] No texto: *O boi*.
[299] Temos dúbidas de se é *fallaron* ou *faltaron*.
[300] Llópiz di que llo transmitiu V. Risco.
[301] VS4 di que o recolle en Villamane (Cervantes) que realmente é do concello de Becerreá.
[302] ERQ2: *Pron* (s.v. *cornada*); *Pro* (s.v. *escornar*).
[303] VS comenta: *Dicen 'truqueña', en el sentido de brava, que embiste; por lo que es peligrosa en casa*. Saco dá tamén este paralelo: *Galiña que non pon, levala á feira.*
[304] Llópiz explica *porque se irritan facilmente*; engade que o recolleu de A. Casás en Castro (Pontedeume) e de M. Couto Sobrado en Sarria.
[305] Llópiz recólleo en Torres de Lourenzá.
[306] Llópiz recólleo do veter. Javier F. Losada que lle explica que *arrecacha-lo rabo* é característica dos touros non capados que se destinan á reprodución.
[307] Llópiz recólleo en Lugo (Estación Pecuaria Regional).
[308] Llópiz recólleo de V. Muñiz, prof. veter.
[309] Llópiz recólleo de José Mª Leirado.
[310] Llópiz recólleo na Estación Pecuaria de Fingoio.
[311] Recólleo de Javier F. Losada, prof. vet.
[312] Llópiz: *mais*; recólleo de Ramón Cabanillas.
[313] Llópiz recólleo de Ramón Cabanillas *(No desterro*).
[314] Recólleo de R. Cabanillas, como o anterior.
[315] VS comenta: *Por la mayor confianza que inspira*.
[316] Recólleo de Mosquera Feal en *Refranero ferrolano*. Este refrán úsase como exclamación cando desaparece un problema que preocupaba; coma quen di *¡Un problema menos!*
[317] VS comenta que *Es muy difícil vencer los malos hábitos adquiridos*.
[318] UCA2: *e escorna* (sic).
[319] Llópiz explica que *querer cabana* significa que precisa descanso á sombra dunha cabana rústica próxima ó terreo onde se está laborando. A var. *choupana* di que a recolle da rev. da *Asociación del Folklore Gallego*.
[320] Llópiz di que é da fala dos Vaqueiros de Alzada. Por veces o que parece desgraza chega a ser principio de boa sorte.

Boi que me turrou, en boa terra me botou. (VLLM:1,135) [321]
O boi que me acornou, ben me escarmentou. (ERG:boi)
O boi que me escapou en boa parte me deitou. (VS) [322]
O boi que me escornou, en boa parte me deitou. (ANV1:79; ANV4:17; XTC4; VS; Alla3) [323]
Bois que se marran e berran, bo tempo espera. (VLLM:1,135) [324]
Bravo está o touriño, dinmo/llo as presunllas, porque esgarabata e non arrebuña. (VLLM:1,136) [325]
Con xente de catro orellas, poucas festas. (VLLM:1,139) [326]
Do boi co rabo recachado, ponte a salvo. (VLLM:1,140) [327]
Do boi que recacha o rabo, ponte a salvo. Si non podes liscar, bótate ó chan; fínxete morto e deixarate o touro. (VLLM:1,142) [328]
Faite o morto e deixarate o touro. (VLLM:1,142) [329]
Do boi manso agarda a pior cornada. (VLLM:1,140) [330]
En terra allea, a vaca ó boi cornea. (ERG:terra; XLF2:34)
En terra allea, a vaca ós bois cornea/turrea. (UCA2:43; ERG:alleo/a; ZM:99) [331]
En terra allea, astra as vacas turran dos bois. (XTC4) [332]
En terra allea, astra as vacas turran os bois. (ANV3; VS; ZM:98) [333]
Na casa allea, poden as vacas cos bois. (VS)
Na terra allea, a vaca escornea. (VS)
Na terra allea, a vaca ó boi cornea. (ERG:cornear; VLLM:1,144) [334]
Na terra allea, a vaca ó boi escornea. (VS)
Na terra allea, a vaca ó boi turra i escornea. (VLLM:1,144) [335]
Na terra allea, as vacas escornan ós bois (MVN2:94; EAG:20; VS) [336]
Na terra allea, pode a vaca co boi. (VLLM:1,145) [337]
Na terra estraña, a vaca ó boi malla. (VLLM:1,145) [338]
Na terra forasteira, poden as vacas cos bois. (VS)
Entre bois non hai cornada. (Pont4) [339]

---

[321] Llópiz recólleo de prof. Marcellán.

[322] Equivalencia latina (ms4): *Ex malo bonum*. VS probablemente tiña diante a nota de ANV1:79 que aparece no refrán seguinte.

[323] No texto: *m'escornou* (ANV1 e XTC4); *boy, m'escornóu, deitóu* (ANV4); *escorneou* (Alla3). Engade Noriega (ANV1:79) a equivalencia latina: *ex malo bonum*, é dicir, que por veces dun mal sacamos proveito. Saco dá estas equivalencias: P.: *Boi que me escornou, em boa parte me deitou* (Chaves), E.: *El buey que me acorneó, en buen lugar me echó* (Sbarbi).

[324] Llópiz explica que *marrar* é escornar uns bois ós outros pero sen se mancar.

[325] Llópiz: *mó/lló din* (sic); sospeitamos que se trata dunha das frecuentes trasposicións dos pronomes átonos en que incurre adoito Llópiz; será *dinllo* ou *dinmo*. Recólleo en Trazo e explica tamén que *cuando el toro está enfurecido, escarba con las manos en el suelo pero no profundiza*.

[326] Llópiz recólleo na Misión Biolóxica da Estrada e explica que as *catro orellas* son as dúas orellas e mailos dous cornos.

[327] Llópiz: *póñete*; di que tanto o touro coma o boi novo, cando van arrancar a embestir, arquean o rabo. Complementa este refrán con aqueloutro *Faite o morto e deixarate o touro*, que é a maneira de se poñer a salvo dos touros que embisten. Sempre se dixo que, lonxe de ataca-las cousas vermellas como se dicía, os touros atacan o que se move, porque eles ven en branco e negro, é dicir, apenas distinguen as cores. O fisiólogo veterinario Kolb admite que os animais non teñen a mesma sensibilidade cromática có home *pero es difícil obtener información exacta sobre este problema. Hasta el momento se ha podido demostrar de forma definitiva la apreciación de los colores en el caballo, bóvidos, oveja, cobaya, ardilla y muchos monos* (EK:1.021-1.022). Llópiz recolle este refrán de Javier F. Losada.

[328] Llópiz: *póete*; recólleo de Javier Fernández Losada.

[329] Llópiz recólleo do J. Fernández Losada, prof. veter.

[330] Llópiz recólleo en Cabanas do Sor (Viveiro).

[331] No texto: *a os bois* (UCA2); *aos bois* (ZM). Carré e Eladio Rodríguez dan as dúas formas: *cornea* e *turrea*. Zamora Mosquera só a forma *cornea*.

[332] No texto: *hastr'as*.

[333] Vázquez Saco ofrece as seguintes equivalencias castelás: *En tierra ajena, la vaca al buey acornea* (Correas), *En tierra ajena la vaca al buey maja* (Correas). No texto: *hastr'as vacas* (VS); *hastra, aos* (ZM); *hastr'as, ôs bois* (ANV3).

[334] Llópiz di que xa está nos trobadores do século XV.

[335] Recólleo en Coristanco e Zas.

[336] No texto: *n'a, escórnan, bóis* (MVN2); *n'a, tèrra, òs* (EAG).

[337] Llópiz: *có*; recólleo de Xaquín Lorenzo (*Refráns de Lobeira*).

[338] Llópiz: *estrana*; recólleo de G. Saavedra Ascariz; di que cadra co cast. *En tierra ajena, la vaca al toro cornea*.

[339] Refrán de clara vocación política, que tamén a vemos neste paralelo recollida na Gudiña: *Entre lobos da mesma camada, por muto que se mordan nunca se fan nada* (Gud5:99) ou *Lobos dunha mesma camada non se traban* (ZM:127). Pintos dános estoutro paralelo: *Un-ha palla non crava outra* (JMP).

Garda do boi por didiante, da xente por darreu e da muller por toda parte. (VLLM5) [340]
Gárdate de boi por dediante e de múa polo tras e de frade por toda parte. (VLLM:1,142) [341]
Gárdate de volta do boi bravo. (VLLM:1,142) [342]
Muller que asubía, vaca que esgurría, galiña que canta coma un capón, na miña casa non. (VS) [343]
Muller que asubía, vaca que esturría e galiña que canta de capón, na miña casa non. (Cea; XFR) [344]
Vaca que surría, home que fía, muller que asubía e pita que canta como o capón, na miña casa, non. (VS)
Nin muller trintena nin vaca cotena. (VS)
O boi manso non ve turrar ao manso. (VLLM:1,146) [345]
O can ladra e o gato rabuña, a vaca esgorría e o furaño fura. (VLLM:2,1034) [346]
O que anda cos bois a escurrutar deprende. (VLLM:1,148) [347]
O que cos bois anda, a turrar deprende. (VLLM:1,148)
Tente co touro mentres eu me escondo. (VLLM:1,1572)
Touriña de vaca brava sempre turra. (VLLM:1,157) [348]
Xatiña de vaca brava turra sempre. (VLLM:1,157) [349]
Turra o boi, turra a vaca, mais pode o boi coa vaca. (VLLM:1,154) [350]
Vaca cornuda nin dá leite nin turra. (RCI:149)

Á porta de cas te mordan,
malos gatos te rabuñen,
que veña un boi que te escorne
i a morte que te apatule. [351]

Á porta des cas te traben,
malos gatos te rabuñen,
malas vacas te esgorríen,
malos furaños te furen. [352]

---

[340] *Previene al hombre ingenuo de las habilidades femeninas*.

[341] Llópiz: *pol-o trás*; recólleo de C. Martínez Barbeito en Terra de Bergantiños.

[342] Llópiz recólleo de P. Dopico, gandeiro de Arteixo.

[343] Noutro ms. di *coma o capón.* Véxase o comentario ó refrán *Muller que asubía, vaca que esbirría ...* na epígrafe 8.8.11.

[344] Transmitido por Carolina Taboada Cid (Cea, Ourense) que o explica como que o home non quere na súa casa femias que se comporten como machos, idea que se reflicte de abondo no refraneiro: *A galiña que canta como o galo é mala estrucia na casa* (VS); *Cando a galiña canta como o galo, a morte está no tellado* (VS); *Galiña que canta como o capón, na miña casa non* (VS); *Home que fía, muller que asubía e galiña que non pon, na miña casa non* (XMSH:35; XMSM:29; GdB:121; XLF2:38: *pita*); *Muller que asubía e fía de pé, nunca boa é* (XMSH:35); *Home que fía, muller que asubía e galiña que canta coma o galo, arrenegar deles coma do diaño* (XMSM:29; GdB:121); *Muller que asubía e galiña que canta com'o capón, na miña casa non* (Mel2, VS); *O home que fía, a muller que asubía e a galiña que canta coma o galo, malo, malo, malo* (XMSM:30; GdB:121). Saco tamén nos dá os seguintes equivalentes: P.: *Galinha que canta como o galo, do dono faz cavalo* (Chaves) ; E.: *Gallina que canta como el gallo, pone al dueño a caballo* (Sbarbi), *Gallina que como gallo canta, apriétale la garganta* (Ricart). Recolle igualmente *una vana superstición del vulgo crédulo, común a otras naciones. Así dicen los franceses: 'Quand la poule veut chanter comme le coq, il faut lui couper la gorge'. Se cree que anuncia la próxima muerte del amo, o de un miembro de la familia*.
Elisardo Becoña recolle (*El Urco, la Santa Compaña y la muerte*) a crenza de que a galiña que canta coma o galo é agoiro de morte en Verín (sg. Taboada Chivite 1959), na Poboa de Trives (sg. Pérez F. 1923) e tamén o recolle de Rodríguez López e mais de Risco. Taboada di que este mal agoiro se pode neutralizar dicindo: *Se é fada,/ por ti vaia./ Se é perda,/ por ti veña*; e matando de contado o animal. En Frades, sg. ERQ, que cante a galiña coma o galo é mal sinal e retórcenlle o pescozo, dicindo: *Morte por morte,/ en ti cai a sorte.* Noutros lugares (AFF:93) fáiselle un conxuro consistente en levala á cociña e pasala por baixo dun banco mentres se recita: *Sea por vida, sea por morte,/ cámbiese a sorte e por ti veña a morte*, e de seguida bótase a galiña fóra da casa pola ventá que ten que estar previamente aberta.
Risco recolle a mesma crenza do agoiro de morte cando a galiña canta coma o galo en Bretaña, Escocia, Gales e Irlanda (VR1:I, 416).
O feito de que un animal se porte anormalmente pode ser interpretado como indicio de ser un animal demoníaco. Pero isto lévanos a outro asunto que veremos, falando da tauromaquia, na epígrafe 11.4.2.2.

[345] Llópiz: *vé*; recólleo de J. Zaera en Sarria.

[346] Llópiz explica *esgorriar* como escornar. Este exemplo de refrán definidor recólleo de M. Suárez en Barcia de Suarna.

[347] Llópiz explica que, sg. A. Abelaira (*Monografía de la Capela*), *escurrutar* é trucar, embestir.

[348] Llópiz recólleo de A. Castro, de Noia.

[349] Llópiz recólleo de Aira (Lugo).

[350] Llópiz recólleo en Pontecesures, de M. e M. Penelas; cita un ref. bable *Tuña'l buey, tuña la vaque pero ...lle puel buei con la vaque* (sic); e o correspondente cast. *Cornea el buey, le responde la vaca, pero... puede el buey con la vaca.*

[351] LimiaB:43: *cás*. Textualmente: *Á porta de cás*, ¿el será erro por *dez cas*?

[352] JPBIII:193.1. No texto: *cäs*, *t'esgorrien.* Tamén GEG:amor. O *furaño* é o furón (*Mustela putorius*), tamén chamado *furatoxos* e, máis próximo ó noso campo semántico, *touriña e tourón* (nome este último que tamén designa o teixugo).

Cando na porta te atopes
con frades que andan de questa,
ceiba o chito, si é que traba,
e a vaca, si turra, ceiba. [353]

¡Malos cans te traben,
malos gatos te rabuñen,
malas vacas te escornen,
malos furaños te furen! [354]

¡Que malos cas te mordan,
malos gatos te rabuñen,
que veña un boi que te escorne
e a morte que te apatule! [355]

Xan d'Outeiro ten un can
que lle chaman capitán,
tamén ten unha cadela
que lle chaman Micaela,
tamén ten un boi
que lle chaman Turroi [356]*,*
tamén ten un galo
que lle chaman Santiago,
tamén ten un gato
que lle chaman escribano,
tamén ten unha galiña
que lle chaman Mariquiña,
tamén ten unha ovella
que lle chaman cotorella. [357]

Chuscurruchús, Señor Cura [358]

Preto da reutoral vivía a Maruxiña, unha nena feituquiña coma hai poucas. A pola mañá, pra ouvir millor cando tocaba o cabreiro pra botar a res, asomábase á fenestra da cuciña ó mesmo tempo que o cura pasaba por didiante da casa da mociña, camiño da eirexa pra decir a misa, coma de cote.

Cando a Maruxiña espoliñou, o cura non quitaba os ollos da fenestra e decíalle ó pasar:

-*Chuscurruchús, meniña.*

-*Bos días, Señor Cura* -respostaba a Maruxiña, mui aducadamente, coma lle ensinaran seus pais que había que facer.

Tanto "chuscurruchús, meniña", chocoulle á Maruxiña, quen lle dixo ó pai:

-Mi pá. Cando á pola mañá ó pasar o Señor Cura a decir a Misa, ¿por que [359] *me di* [360] *"Chuscurruchús, meniña"?*

-Ai, si...! ¿E que máis che di? [361]

-Onte tamén me perguntou [362] *se estaba sola ou se estaban vostedes tamén.*

-Vaia...Vaia... O Señor Cura non che ten bico de probe -dixo falando cua Marica, a súa [363] *muller.*

-¿Que di, mi pa? [364]

-Nada, filla, nada. Mira: se [365] *mañá o cura che di algunha cousa, como ten feito, tu amóstrate riseira cuel. Se che pergunta se estou eu na casa, dille que non; e, se di que quere asubir, dille que si* [366].

---

353 MLP2:5, MLP3:206, AP:127. No texto: *n-a porta, ceiva, y-a vaca* (MLP2); *ceiva* (MLP3), e explica que *andar de questa* significa andar pedindo esmola.

354 VLQ2:381.

355 VLQ2:382. No texto: *e-a*. *Apatularse* significa agacharse o can contra o chan cando ve unha lebre ou outra presa.

356 Ballesteros explica que este nome que esixe a rima alude a *turrar*, é dicir, atacar cos cornos, aínda que se use máis na acepción de tirar por algo.

357 JPBII:187-6. No texto: *tèn*.

358 LP2: 23-24. Representa a fala da Viana do Bolo.

359 No texto: *porque*. Aínda que, sendo interrogativo, o normativo é escribilo separado, o feito é que o *por que* interrogativo leva en galego o acento na preposición *por*.

360 No texto: *dí*. Tamén no resto do conto: *que máis che dí; Que dí, mi pá; o cura che dí, e se dí, non me dí*

361 No texto: *sí, E qué*.

362 No texto: *perguntóu*.

363 No texto: *sua*.

364 No texto: *mi pá?*.

365 No texto: *Se*.

366 No texto: *sí*.

O pai da Maruxiña tiña unha vaca parida, cun xato de catro meses. Aquela noite non o deixou mamar e pola mañá...[367]

Pra a casa da Maruxiña entrábase por un curro cuberto e de alí [368] asubíase por unha escaleira pra o estrado da casa. E mesmo ó lado da escaleira había un presebre, no que o pai da Maruxiña prendía a vaca cando a muxía.

En canto a Maruxiña se asomou á fenestra, o pai baixou [369] pra o curro, onde esperou a ver o que pasaba. Pasou o cura e tuvo esta conversa cua Maruxiña.

-Chuscurruchús, meniña.

-Chuscurruschús, Señor Cura. [370]

-¿E teu pai onde vai [371]*?*

-Non lle sei, saíu.

-¿E túa mai tampouco está? [372]

-Non, señor. Foi ás verzas pra o caldo. [373]

-¿ E tu queres que asuba un pouquiño pra onde a ti? [374]

-Se osté ten ese gusto, porque non ha de asubir. [375]

-Pois, alá vou.

¡Non foi, non! ¡Non pasou do curro! [376] Elí estaba o pai da Maruxiña agardando. Botoulle as maus e, queiras que non queiras, espíuno, atouno ó presebre e soltou o xato.

Pra o outro día, pra o outro e pra o outro, pasou o cura coxipelando e sin xiquera mirar pra a fenestra. A Maruxiña chocoulle que o cura, tan faladeiro, sempre, non lle dixese nada, agora. E cueso díxolle ó pai:

-Mi pa [377]*. Agora o Señor Cura non me di cando estou na fenestra. Tan paroleiro como el era...*

-Pois, mira... ¿Coma era que el che decía?

-El decíame: "Chuscurruschús, meniña".

-Pois, mañá, dille tu [378]*: "Chuscurruschús, Señor Cura", a ver que che responde.*

A Maruxiña fixo o que seu pai lle mandaba. Asomouse á fenestra á hora de costume. Tamén, coma de costume, pasou o cura; cuxipelando inda; cua cara enfurruñada e sin ollar pra riba. A Maruxiña lembrouse do que o seu pai lle dixera i ó ver [379] que o cura pasaba silente, díxolle:

-"Chuscurruschús, Señor Cura".

I o cura respostoulle axiña:

¡Que [380] *chuscurruschús nin que demo!... Dille a teu pai que se quer criar becerros, ¡que vaia mercar vacas ó inferno!*

Chuscurruschús[381]

En outra ocasión pois tamén un matrimonio que tiña unha filla e resulta que o cura andáballe sempre tirando piropos á chavala cando iba decir misa. E a rapaza díxollo ó padre:

---

[367] No texto: *,e pola mañá...*

[368] No texto: *,e de alí*.

[369] No texto: *se asomou á fenestra o pai baixou* (sen coma).

[370] No orixinal escribe a partir deste punto *chuscurruschús*.

[371] No texto: *E teu pai ónde vai?*.

[372] No texto: *E tua, tampuco* (sic).

[373] No texto: *berzas*.

[374] No texto: *E tú* (noutros lugares escribe *tu*), *pouquiños* (sic), *ti*.

[375] No texto: *poque* (sic).

[376] No orixinal non abre signos de admiración.

[377] No texto: *pá*.

[378] No texto: *tú*.

[379] No texto: *,i o ver*.

[380] No texto: *Que chuscurruchús, nin que demo!*.

[381] Abadín4:194. Recollido en Castromaior, Abadín.

- Pásame esto, sempre me está o cura con bromas e con tal. Sempre me anda dicindo: ¡Chuscurruschús, miña nena!

E díxolle:

- Pois tu dícelle, dícelle: ¡Chuscurruschús, señor cura!

- ¿E pra cando?

Díxolle ela:

- Pra mañá, que estou sola.

Bueno, díxollo ó pai e dixo:

- Moi ben.

Na casa había catro becerros deses que lles gustaba mucho mamar e eles xa non os botaron ás vacas á víspera. El escondeuse, o pai escondeuse e entonces díxolle:

- Ti sóbeo por tal sitio pró cuarto.

E preparáronlle unha trampa pra poder baixar pró cortello dos becerros. Entonces, colleu e veu o cura, e meteuno alí e tal, e, ó momento, chegou o pai, fixo que cegaba e tal, e o cura xa estaba... E mándao pra cabo dos becerros, pegan os becerros con el, bueno, o cura estuvo alí asta pola mañá. ¡Catro becerros que había alí, se non o ordeñaron como está mandado!

Ó outro día, ó domingo siguiente, pasa o cura prá misa e non lle decía nada á chavala. E díxolle a chavala:

-¡Chuscurruschús, señor cura!

Dixo:

-¡Chuscurruschús, merda! ¡Dille a teu pai que se quere ter becerros que compre herba!

¡Escapa, Juan, que te coge el toro! [382]

Unha vez era outro que non entendía o castellano e decíalle un amigho… Veu vir un toro desenfrenado e viña hacia o amigho e díxolle el de lonxe.

-¡Escapa Juan que te coge el toro! ¡Escapa Juan que te coge el toro!

El mirou pra tódolos sitios, pero non veu… Vía vir aquel animal alá diante pero…, dixo: "Non, se o meu amigho soubera que pelighro… Ese animal non debe ser maliño. Que o meu amigho se me vía en pelighro, da maneira que me quere, salvárame".

Volvía o outro e…:

-¡Escapa Juan que te coge el toro! ¡Escapa Juan que te coge el toro!

Pero el volvía ver aquel animal, pero…: "Non é malino, senón meu amigo non me deixaba". Pero veu o toro e escachifou a Juan. E quedou escachifado e espendolado. E o outro díxolle:

-¡Ah, traidor!, amigho traidor, pensando en que me vías en pelighro que me ibas salvar…

E dixo o outro:

-Pero díxenche cantas veces: "Escapa, Juan, que te coghe el toro; escapa, Juan, que te coge el toro [383] *".*

-¡Anda, meu carajo! se me dixeras "Escapa, Juan, que te escornicha o becerro…" [384].

3.2.13. A patada

3720 **batavoleo** *s.m.* Sacudida dada por unha persoa ou animal a outro. (Made.).

3721 **patada** *s.f.* Golpe dado por unha vaca cunha pata. ERG distingue entre a *patada* da xente e o *couce* dos animais. (Com1, Dum., Gud., Mon., Oirós, Razo, Vala., VLLM).

[382] CNC:377-378. Recollido na Lama, Pontevedra, de Remedios Rajoi, de 89 anos de idade en 1999.

[383] No texto esa é a grafía (*coghe ... coge*).

[384] No texto: *dixeras Escapa Juan que te escornicha o becerro…*

3722 **pinote** *s.m.* Couce, patada de animal. (Fra.).
3723 **coucear 1** *v.* Dar patadas [unha vaca]. *Paséille a man polas ancas pra ila aloumiñando e funlla metendo ó ubre. Daquela, a vaca dou en beilar. Intentéi de novo, pro a cousa foi pior; dou en coucear ó lonxe e dar cornadas pra tras, que por pouco me reventa*. (GB2:108).
3724 **couciar** *v.* Ver COUCEAR 1 /3723. (Ancares2).
3725 **coucier** *v.* Ver COUCEAR 1 /3723. (Ancares2).
3726 **escoucear** *v.* Dar patadas [unha vaca]. (Parade.).

A vaca boa, que dea unha canada de leite pouco importa, si de unha patada a deborca. (VLLM:1,131) [385]
A vaca con vicio dá co pé na canada. (XTC4) [386]
Pouco importa que encha a canada se a tira cunha patada. (VS) [387]
Por dar un couce unha vaca non se lle pode cortar a pata. (XTC4) [388]
Vaca gabada, non enche a canada e se a enche dá a patada. (Grou)

Teño unha vaca leiteira,
nin dá leite nin dá nada;
pro, dá couces á canada;
¡que vaca tan condergada! [389]

3.2.14. Gando con problemas na marcha

Recolleremos aquí tódalas voces que designen calquera defecto na marcha e na actitude estática dos animais sen que, coa información que dan as nosas fontes, poidamos identificalos como unha enfermidade ou lesión específica. Por iso considerámolos agora como simples defectos e agrupámo-las voces aquí como características negativas, non como enfermidade propia. No capítulo 8. *Patoloxía* o lector poderá atopar máis informacións sobre outros procesos patolóxicos específicos que tamén ocasionan problemas na marcha do gando pero dos que temos máis datos para propoñer un diagnóstico [390]. É moi posible que os informantes apliquen algunha das voces que recollemos agora a algunha das enfermidades que citaremos no capítulo 8, denominando a enfermidade polo síntoma, o que nos obrigaría a clasificalas alí, pero, ó non nos dar máis información, non nos atrevemos a face-lo diagnóstico correspondente.

Aínda que o funcionamento correcto das articulacións e estruturas óseas das extremidades resulte fundamental no cabalo, especie na que estes aspectos alcanzan o grao de especialidade, non ten por iso menos importancia no vacún, que é o campo que nos interesa agora. Resulta evidente a importancia que tiña que representar calquera defecto na marcha cando o gando era necesario no carreto e mais no arado, pero incluso agora, que xa non realizan estes traballos, unha andadura normal, correcta, segue sendo unha condición imprescindible para o bo aproveitamento dos pastos e unha boa alimentación, o que repercutirá, en consecuencia, nunha boa produción láctea. Algún gandeiro explicábanos que, non sendo enfermidade, diminuían notablemente o valor do animal na feira. Cando falemos do trato (capítulo 10) reproduciremos na epígrafe 10.5.3.1. un texto de Prado *Lameiro* no que se recolle unha significativa deprezación dunha xovenca porque *non pasea como lle toca.*

E no capítulo 16 veremos un diálogo de feira, escrito por Bernardo Rodríguez (Cunt3), no que uns compradores lle din a un vendedor dunha xunta de bois:

- Boeno, ¿queres vende l-os bois?
- A eso vengo. Aquí tenés una yunta que manda truco.
...-
- Paséaos un pouco á ver se espallan.

---

[385] Llópiz recólleo de V. Risco (*Notas para*..., Orense 1954). Explica que é así porque se perde o proveito todo, e engade: *Tiene este prov. un fondo moral muy sutil y quiere presentar gráficamente, como una sucesión de buenas acciones, puede quedar anulada por una traición final.*

[386] No texto: *da, pe*. Chama a atención a ampla representación que ten nos refraneiros a variante que reflicte esta mesma actitude desagradecida na cabra: *A cabra co vicio dá cos cornos no cu*, con lixeiras variacións pero sempre coa mesma idea.

[387] VS: *q'hench-a canada, c'unha patada*.

[388] Igualmente: *Porque un burro dea un couce non se lle ha cortala pata* (ERG:burro).

[389] TCha:33. No texto: *qué*. En nota engade que é letra amañada para unha música de hoxe en día.

[390] Hai moitas patoloxías que poden causar inflamación nos artellos ou nas partes brandas do casco, dores musculares, miosite etc., procesos todos eles nos que se van presentar problemas na marcha. A modo de exemplo remitímo-lo lector ás epígrafes 8.6.9.1. *Traumatismos nas patas*, 8.8.2. *Resentirse do exceso de traballo*, 8.8.3. *Coxeiras* etc. á parte doutras enfermidades máis específicas que cursan con claudicación (glosopeda ou necrobacilose podal).

Outra consecuencia das coxeiras é a maior propensión ás infeccións do ubre. A causa da dor que sente o animal nas patas, permanece máis tempo deitado, poñendo en contacto o ubre cos excrementos e a humidade da cama.

Os posibles defectos na marcha son moi variados, pero podemos agrupalos nas seguintes tipoloxías:

- Animais que abren as patas nunha curva de convexidade externa, máis ou menos ampla.
- Animais que se rozan, cando o membro en movemento golpea ou simplemente toca o remo oposto que nese momento está en apoio. Non debe confundirse con *alcanzarse*, término que se aplica ós animais –e só ós cabalos- que se golpean co pé na man do mesmo lado chegando ás veces a arrinca-la ferradura.
- Animais que cruzan as patas ó apoialas na mesma liña do plano medio do corpo, en vez de facelo nun plano paralelo ó mesmo.
- Animais que arpean, e levantan a pata rapidamente en canto o casco toca o chan, como se lles queimase.

3727 **cambra 2** *adx.* [Vaca] que ten unha pata paralizada. (Caa., Cab., Cal., Com1, Cre., Cur., Feás-A, Incio, Mel1, Vala., Vil.).
3728 **cambril 1** *adx.* [Res] que apoia mal as patas ó andar. (Piquín).
3729 **cimprón** *adx.* [Animal] torpe para andar e que sempre queda atrás. Aplícase tamén a persoas. (Acevo).
3730 **encambrillado** *adx.* [Animal] baldado das pernas, posiblemente por unha luxación de rótula (ver CAMBRA 1 /8597). (Mones).
3731 **escambroado 1** *adx.* Ver ENCAMBRILLADO /3730. (Lagoa).
3732 **necio** *adx.* [Animal] que anda mal. (Com1).
3733 **palmeiro** *adx.* [Animal] que ó andar apoia no chan a parte posterior do pezuño por unha relaxación dos ligamentos dos dedos. (Piquín).
3734 **pateño 1** *adx.* Ver PALMEIRO /3733. (Meis).
3735 **tolleita 1** *adx.* [Vaca] inútil dun membro. (Común).
3736 **torta 1** *adx.* [Vaca] que se inclina a un lado. (Cre., XER).
3737 **tupida** *adx.* Ver TUPINA 1 /3738. (Arc1).
3738 **tupina 1** *adx.* [Vaca] que pon o pé de punta e non fai firme. Tamén se di dos cabalos. (Ver2).
3739 **palmear** *v.* Apoiarse sobre as *palmas* das patas e non nos pesuños ó apoia-lo pé [os porcos e o gando vacún]. (LCA2).
3740 **estar con calambra** *loc. v.* Ter unha perna adormecida [unha vaca] e estar a estarricala. A nosa fonte fala de *vaca con calambra*. (Ctel1).
3741 **non pasear [unha res] como lle toca** *loc. v.* Ver NON TER BO PASEO /3742. (PL8).
3742 **non ter bo paseo** *loc. v.* Camiñar mal [unha vaca] por calquera causa. (Gro4).

3.2.15. Gando que abre as patas ó andar

3743 **pé de retranco** *s.comp.m.* Pé que se desvía cara a fóra ó camiñar. (Camba).
3744 **aberta 1** *adx.* [Vaca] que bota os pés cara a fóra ó andar. (Caban., Gaxate, Verdu.).
3745 **camba 3** *adx.* [Vaca] que bota os pés cara a fóra ó andar. (Suevos).
3746 **cambreña** *adx.* [Vaca] que bota os pés cara a fóra ó andar. (Ribe2).
3747 **esquerda** *adx.* [Vaca] que ó andar dá un pequeno xiro cos cascos da pata dianteira. (Común).
3748 **garbosa** *adx.* [Vaca] que bota a pata de lado ó andar. (Ctel1, Ver2).
3749 **isquerda** *adx.* Ver ESQUERDA /3747. (Rama.).
3750 **patosa** *adx.* [Vaca] que bota os pés cara a fóra ó andar. (Oliv.).
3751 **sementadoira** *adx.* Ver SEMENTADORA /3752. (San.).
3752 **sementadora** *adx.* [Vaca] que ó andar bota as patas cara a fóra. (Cam4, Mel1).
3753 **sementeira** *adx.* Ver SEMENTADORA /3752. (Cam2, Cam4, Ced., XER).
3754 **somenteira** *adx.* Ver SEMENTADORA /3752. (Ced.).
3755 **trenca 3** *adx.* [Vaca] que bota os pés cara a fóra ó andar. (Lava.).
3756 **zamba** *adx.* Ver ZAMBRA 2 /3757. (Cab.).
3757 **zambra 2** *adx.* [Vaca] que abre as patas ó andar. (Cast., Ram.).
3758 **abrir 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. Viso1,Viso2 e Vxoán úsano como prnl. (Carbal., Noalla, Pal., Ribad., Viso1, Viso2, Vnova2, Vxoán).
3759 **agadañar 2** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. Ó faceren ese movemento circular coas patas imitan o dunha gadaña. Temos *agadañar* como camiña-la vaca rozando as béstas. Coma noutros casos deste mesmo concepto, coinciden varias voces con este dobre e contraditorio significado (*cardear*, *sementar*, *trencar*, *xostrear*). (Val-LE).
3760 **aghadañar** *v.* Ver AGADAÑAR 2 /3759. A nosa fonte escribe *ajadañar*. (Cerd2, Estr4).
3761 **almoadillar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Verdía).

3762 **arrebolar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Busta., Lamas, Sabu3).
3763 **arrecadar 3** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Carr-C).
3764 **arrestrillar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Ribó).
3765 **arrodar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Fara., Incio, Mon.).
3766 **atracarse** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Neves2).
3767 **boutar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Arme.).
3768 **cadear** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Macei.).
3769 **calcetar 1** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Ctel1, Medín).
3770 **cardar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (CarbCo).
3771 **cortarse 3** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Beman.).
3772 **chambroar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Burela1).
3773 **derrodar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Gui.).
3774 **desgobernar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Noal).
3775 **escarrancharse** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (CReis2, Saiar).
3776 **espadear** *v.* Ver ESPALLAR /3778. (Anca).
3777 **espalear** *v.* Ver ESPALLAR /3778. (Negra., Vi-Val).
3778 **espallar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. *Paséaos un pouco a ver se espallan* (Cunt3). (Alla2, Callo., Cunt3, Nove., Tabor., Xudán1).
3779 **espolear** *v.* Ver ESPALLAR /3778. (Estr3).
3780 **esquerdar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Lagar.).
3781 **estribar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Vcova).
3782 **estrincar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Vala1).
3783 **excarrachar** *v.* Ver ESCARRANCHARSE /3775. Pode ben ser unha hipercorrección do colector por *escarrachar*. (Mosen.).
3784 **gadañar 2** *v.* Ver AGADAÑAR 2 /3759. (Barre., Boi., Per1).
3785 **gherrear 2** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. A nosa fonte escribe *jerrear*. (Abe.).
3786 **gurrar 2** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Melias).
3787 **lampar 2** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Enxames).
3788 **maniversar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Gud., Ped1).
3789 **peneirar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Carb3, Noice.).
3790 **rodar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. En Meira2 recollen *rodar moito*. (Dozón, Meira2).
3791 **rodear** *v.* Ver RODAR /3790. (Casal., PSil).
3792 **segar** *v.* Ver AGADAÑAR 2 /3759. (Fol-LE, Vill-O).
3793 **sementar 1** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. Culle. escribe *ir sementando*. (Caa., Cab., Cam2, Ced., Com1, Culle., Feás-A, Laxe, Mon., Porto, XER. ILG:89 (C:52, LU:21, OU:6, PO:10)).
3794 **sementare** *v.* Ver SEMENTAR 1 /3793. (Ces.).
3795 **somentar 1** *v.* Ver SEMENTAR 1 /3793. (Cabal., Cast., Lendo, Lestón, Medín, Razo, Sofán).
3796 **sumentar** *v.* Ver SEMENTAR 1 /3793. (Carde.).
3797 **surdar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. Forma con seseo por *zurdar* que é sinónima de *esquerdar* e outras. (Agro.).
3798 **tortar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Vil.).
3799 **traiar** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Leir-A).
3800 **trencar 2** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (SComba).
3801 **trollar 1** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Grixoa).
3802 **xostrear** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Piñei2).
3803 **xumentare** *v.* Ver SEMENTAR 1 /3793. (Razo).
3804 **zambrar 1** *v.* Ver ZAMBREAR 1 /3805. (Mondo1, Vrei.).
3805 **zambrear 1** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Dis., Fol-C, Laiosa, Oirán, Piñe., Samos3, Vala., Vixoán).
3806 ***asembrar** *v.* Ver SEMENTAR 1 /3793. (Oroso2).
3807 ***sembrar** *v.* Ver SEMENTAR 1 /3793. (Alence).
3808 **abri-las patas** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Morai.).
3809 **abri-lo paseo** *loc. v.* Ver ABRIR NO PASEO /3811. É defecto para a venda porque é feo, non é enfermidade. (Ctel1).
3810 **abrir muito** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Morga).
3811 **abrir no paseo** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar, como remando. Para sermos exactos, en Pre. a nosa fonte escribe *abrir nu paseo*. (Carño2, Pre., Tab1).
3812 **andar de retranca** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Peroxa).
3813 **andar de roda** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Aranga).
3814 **andar de rodo** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Laxosa).
3815 **andar de través** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Buga-A).
3816 **andar pa fóra** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Ortoño).
3817 **andar zopengo** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Bar-Co).
3818 **arrebolar cas patas** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (PSeca).
3819 **corta-la palla** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara

a fóra ó andar. Lampón escribe *corta-la pella*. (Lampón, Lous.).

3820 **ghurrar pa fóra** *loc. v.* Ver TURRAR PRA FÓRA /3828. A nosa fonte escribe *jurrar pa fora*. (Conxo).

3821 **pasear mal 1** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Callo., Frei., Rib-E).

3822 **sementar pra fóra** *loc. v.* Ver SEMENTAR 1 /3793. (Consta.).

3823 **ser esquerda das mans** *loc. v.* Non apoiar correctamente as patas [unha vaca] por telas tortas cara a fóra a partir do metacarpo. Non son tan firmes. (Ctel1).

3824 **ter mal paso** *loc. v.* Ver PASEAR MAL 1 /3821. (Callo.).

3825 **tirar polos pés pa fóra** *loc. v.* Ver TIRAR PRA FÓRA 1 /3826. (Dum.).

3826 **tirar pra fóra 1** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Anseán, Pedro.).

3827 **torse-las pernas** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Bas.).

3828 **turrar pra fóra** *loc. v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (MCouso).

3.2.16. Gando que roza as béstas

3829 **aberta 2** *adx.* [Vaca] que bate coas mans unha noutra ó andar. Cre a xente que se debe a que "non está ben do peito". (Cam1).

3830 **cambesa** *adx.* [Vaca] que, ó andar, tropézanlle os artellos das patas traseiras. (Cam1).

3831 **esmolesida** *adx.* [Vaca] que camiña xuntando ou rozando as béstas. (Ribe2).

3832 **ghatiñeira** *adx.* [Vaca] que camiña xuntando ou rozando as béstas. A nosa fonte escribe *jatiñeira*. (Figue1).

3833 **maniversa** *adx.* Ver ABERTA 2 /3829. (Común).

3834 **nafra 2** *adx.* [Vaca] que camiña xuntando ou rozando as béstas. (Rama.).

3835 **trenca 1** *adx.* [Vaca] que, ó andar, tropézalle unha pata na outra. (Común).

3836 **tropezona 1** *adx.* [Vaca] que roza as béstas ó andar. (Cam2).

3837 **vitaleira** *adx.* [Vaca] que camiña xuntando ou rozando as béstas. Probablemente sexa unha derivación de *vitela 3* (ver 2013). Temos recollida a voz *vitela* como bésta en Cam2 e Morai. (Cam4).

3838 **xarreteira** *adx.* [Vaca] que camiña xuntando ou rozando as béstas. (Lestón).

3839 **zambra 3** *adx.* [Vaca] que camiña xuntando ou rozando as béstas. (Gaxate, Neda).

3840 **zambrelo** *adx.* [Animal] trenco, que ten as patas tortas e que bate cunha na outra. Dise do gando e da xente. (Xun2).

3841 **zapatilleira 1** *adx.* Ver ABERTA 2 /3829. (Cato.).

3842 **con charnela** *loc. adx.* Ver ABERTA 2 /3829. A nosa fonte dá como lema *vaca con charnela*. (Arc1).

3843 **acaravillare** *v.* Ver ACARAVILLARSE /3844. (Fuxás, Medín).

3844 **acaravillarse** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Pre.).

3845 **acrochetar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Callo.).

3846 **afitar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Vill-O).

3847 **agadañar 1** *v.* Camiñar [a vaca] rozando un xeonllo contra o outro. (Anseán, Arroxo, Baltar, Ben., Bolo, Busta., Car2, Carr-G, Ced., Corre., Covas, Feás-A, Meir., Mel1, Mira., Morai., Negral, Nive., Penela, Peno., Sisto, Troán1, Vviño).

3848 **agadañare** *v.* Ver AGADAÑAR 1 /3847. (Ces.).

3849 **agadoñar** *v.* Ver AGADAÑAR 1 /3847. (Neves2).

3850 **aghadañar** *v.* Ver AGADAÑAR 1 /3847. A nosa fonte escribe *ajadañar*. (Buga-N, Cang2, CarbCo., Dúas, Lañas, Medín, Oliv., Rendal, Somo1, Xeve).

3851 **amolecer 2** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Morga., Rib-E).

3852 **amulecere** *v.* Ver AMOLECER 2 /3851. (Verdía).

3853 **angazar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Piñor).

3854 **arbestiar** *v.* Ver BESTEAR /3863. (Vil.).

3855 **arreluar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Vala1).

3856 **arrimar 1** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Cervá1, Cervá2, Poulo).

3857 **arrodar** *v.* Ver ARRODEAR /3858. (Piñor).

3858 **arrodear** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Arroxo).

3859 **arrozarse** *v.* Ver ROZAR 1 /3891. (Oliv.).

3860 **axarretar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Pade.).

3861 **axuntar 3** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Mosen.).

3862 **azambrelar** *v.* Ver ZAMBREAR 2 /3917. (Xun2).

3863 **bestear** *v.* Camiñar [a vaca] rozando os xarretes ou *béstas*. Laiosa recolle *vestear*. (Incio, Laiosa).

3864 **calcetar 2** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. Probablemente tamén se utilice no Grove, onde está recollido aplicado á xente (Gro1). (Santi.).

3865 **cambotar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Verdu.).

3866 **cardar** *v.* Camiñar [a vaca] rozando os xarretes. (Alla2, Antas3, Cast., Com1, Figue2, Fol-C, Grixoa, Lagar., Lucí, Negr2, Oroso1, Peroxa, Porto, Vcova).

3867 **cardear** *v.* Ver CARDAR /3866. (Baíñas, Cadrón, Callo., Com1, Laxosa, MCouso, Ped1, Santi.).

3868 **cardeñar** *v.* Ver CARDAR /3866. (Bidu., Calo).
3869 **congostrear** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Sabu3).
3870 **corvaxear** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Gud.).
3871 **chambicar** *v.* Ver CHAMBRICAR /3872. (Abadín).
3872 **chambricar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. A nosa fonte escribe *chanbricar*. (Oirán).
3873 **chambrigar** *v.* Ver CHAMBRICAR /3872. A nosa fonte escribe *chanbrigar*. (Mira.).
3874 **chambriquear** *v.* Ver CHAMBRICAR /3872. A nosa fonte escribe *chanbriquear*. (Damil).
3875 **chanquear** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Mon.).
3876 **encadar** *v.* Ver ENCADEIRAR /3877. (Couce.).
3877 **encadeirar** *v.* Camiñar [unha vaca] batendo as béstas. (SComba).
3878 **enchabechar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Fara.).
3879 **entropezar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Oroso2).
3880 **estrincar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Negra.).
3881 **estrobar 2** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Camba).
3882 **gadañar 1** *v.* Ver AGADAÑAR 1 /3847. (Alence, Crendes, Cubi2).
3883 **ghadañar** *v.* Ver AGADAÑAR 1 /3847. A nosa fonte escribe *jadañar*. (Cruído, Estr3, Vi-Val).
3884 **ghanchear** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. A nosa fonte escribe *janchear*. (Cervá1, Cervá2).
3885 **gherrear 3** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. A nosa fonte escribe *jerrear*. (Abe.).
3886 **lousear** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Neda).
3887 **malandar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. A nosa fonte escribe *mala andar*. (Macei.).
3888 **rancar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Frei.).
3889 **rascar 1** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Lous.).
3890 **refruscar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Noal).
3891 **rozar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. Codeso., Com1 e Gud. recólleno como pronominal. (Codeso., Com1, Gro4, Gud., Oroso2).
3892 **sementar 2** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Cabal.).
3893 **somentar 2** *v.* Ver SEMENTAR 2 /3892. (Cabal.).
3894 **sopexar 2** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando os xarretes. (Cab.).
3895 **tascar** *v. Ú. t. c. prnl.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. En Caa e Com4 dáno como pronominal. (Anca, Barre., Boi., Burgo, Caa., Cast., Cer., Com4, Cur1, Eixo, Gui., Lago, Leir-A, Negral, Parga, Pravio, Rábade, Rus, Sende., Vmaior).
3896 **tasquear** *v.* Ver TASCAR /3895. (Consta.).
3897 **tirarse** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Ribe1).
3898 **tocar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Ribó).
3899 **toscar** *v.* Ver TASCAR /3895. (Culle.).
3900 **tracolear** *v.* Ver TRENCAR 1 /3905. (Com1).
3901 **trancolear** *v.* Ver TRENCAR 1 /3905. (Com1).
3902 **tranguelear** *v.* Ver TRENCAR 1 /3905. (Mez.).
3903 **tranquelear** *v.* Ver TRENCAR 1 /3905. (Dum.).
3904 **trascanear** *v.* Ver TRENCAR 1 /3905. (Laraxe).
3905 **trencar 1** *v.* Camiñar [a vaca] rozando unha para contra a outra. En PSil dáno como pronominal. (Arca, Buga-A, Cere., Com1, Corre., Dum., Estr4, PSil, Saiar, VFrore., Xudán1).
3906 **trencolear** *v.* Ver TRENCAR 1 /3905. (Com1, Lava.).
3907 **trenquear** *v.* Ver TRENCAR 1 /3905. (Somo2).
3908 **trocar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver TOCAR /3898. En Chan. dáno como pronominal. (Chan., Enxames).
3909 **tronquilear** *v.* Ver TRENCAR 1 /3905. (Com1).
3910 **xarretear** *v.* Camiñar [unha vaca] rozando as béstas. (Lendo).
3911 **xarreteare** *v.* Ver XARRETEAR /3910. (Razo).
3912 **xerretear** *v.* Ver XARRETEAR /3910. (Carb3, Noice.).
3913 **xostrear 1** *v.* Camiñar [a vaca] rozando os xarretes. (Cal., XER).
3914 **xuntar 1** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando os xarretes. (Laxe, Mon., Ribó, Vxoán., XER).
3915 **zambear** *v.* Ver ZAMBREAR 2 /3917. (PCal2).
3916 **zambrar 2** *v.* Ver ZAMBREAR 2 /3917. (Carbal., Mondo2).
3917 **zambrear 2** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Alence, Cur., Fol-LE, Fre., Meira2, Veste.).
3918 **zambrelar** *v.* Ver ZAMBREAR 2 /3917. (Melias).
3919 **zangarellar** *v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando os xarretes. (Mez.).
3920 **andar enferma** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Zamáns).
3921 **cambicha-las pernas** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Viso2, Viso2).
3922 **carda-lo paseo** *loc. v.* Camiñar [a vaca] describindo coas patas unha curva cara a dentro. Co ubre cheo non se lle nota. (Ctel1).
3923 **cerrar no paseo** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Carño2).
3924 **crusa-las pernas** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Ortoño).
3925 **facer trenca** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Xun.).
3926 **ghurrar pa dentro** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. A nosa fonte escribe *jurrar pa adentro*. (Conxo).

3927 **pasear mal 2** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Teo).
3928 **rosa-lo soltaduiro** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Bas).
3929 **tasca-las pernas** *loc. v.* Ver TASCAR /3895. (Aranga).
3930 **tascar nos pés** *loc. v.* Ver TASCAR /3895. (Sofán).
3931 **tascar un pé con outro** *loc. v.* Ver TASCAR /3895. (Suevos).
3932 **ter mal paseo** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando béstas. (Valad1).
3933 **ter mala andadura** *loc. v.* Ver TER MAL PASEO /3932. A nosa fonte escribe *ter mal andadura*. (Vxoán).
3934 **tirar pa dentro** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Arzón).
3935 **tirar pra fóra 2** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Pedro.).
3936 **toca-las bestas** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Samos3, Veste., Vixoán).
3937 **toca-las xoghas** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. A nosa fonte escribe *tocar as xojas*. (Corb., Pal., Vnova2).
3938 **toca-los nortellos** *loc. v.* Camiñar [a vaca] xuntando e rozando as béstas. (Agro.).
3939 **xunta-las patas** *loc. v.* Ver XUNTAR 1 /3914. (Noalla).
3940 **xunta-las pernas** *loc. v.* Ver XUNTAR 1 /3914. (Sisán).
3941 **xunta-las vides** *loc. v.* Ver XUNTAR 1 /3914. (Bar-Co).
3942 **xunta-lo paseo** *loc. v.* Ver XUNTAR 1 /3914. (Ctel1).
3943 **xuntar no paseo** *loc. v.* Ver XUNTAR 1 /3914. (Tab1).

3.2.17. Gando que cruza as patas

3944 **trampear** *v.* Cruza-las patas ó andar ou tocar unha con outra. Dise tamén da xente. (Xun2).
3945 **tranquear 2** *v.* Cruzar [o vacún] as patas ó andar. Con todo esta voz é da familia de *tranquelear*. (Mra.).
3946 **cruza-las abestas** *loc. v.* Cruzar [o vacún] as patas cando camiña. (Mra.).


3.2.18. Gando cos cascos brandos

3947 **entrillada 1** *adx.* [Vaca] branda dos cascos. (Común).
3948 **moxenta** *adx.* [Vaca] de cascos brandos. (Arc1).
3949 **repisona** *adx.* [Vaca] de cascos brandos. (Ctel1).
3950 **tremeseiro** *adx.* [Res] delicada de pés. (LCA2).
3951 **branda de pés** *loc. adx.* [Vaca] que non se aguanta, delicada dos pés. (Gro2).
3952 **sofollar** *v. Ú. t. c. prnl.* Esfoliarse o casco da vaca. *O frío sofolloulle o casco*. (Xun2).

3.2.19. Gando cos pezuños curtos

3953 **tupina 2** *adx.* [Vaca] que ten os pezuños curtos. (XER, Xun.).

3.2.20. Gando cos pezuños longos



Vacas zapateiras.

3954 **catangueña** *adx.* [Vaca] cos pezuños moi longos. No Grove hai un barrio denominado *Virxe das Mareas* que corre popularmente co alcume de *Katanga*; é un barrio de *casas baratas* construído a primeiros dos sesenta. Katanga era unha provincia da República Democrática do Congo, que Moise Tshombe declarou independente desta inmediatamente despois de que o Congo conseguise a independencia en xuño de 1960 baixo a presidencia de Lumumba. Coa axuda das Nacións Unidas, en xaneiro de 1963 rematou esta aventura independentista para reintegrarse de novo o territorio de Katanga dentro do país. Katanga era zona mineira, lugar onde se albergan masas obreiras en non moi boas condicións; de aí vén, se cadra, a popularidade de Katanga en diferentes lugares. Pero ¿que procesos psicolóxicos levaron a este informante a denominar con este nome unha vaca coas uñas longas? Vai saber se se trata dun nome propio dunha vaca que, casualmente, tiña este defecto no casco. (Oirán).

3955 **cuadrera 2** *adx.* [Vaca] cos pezuños moi longos. (Melias).

3956 **empalmado** *adx.* [Animal] con cascos moi alongados. (Cab.).

3957 **palmeado** *adx.* Ver PALMESA /3960. (Vala.).

3958 **palmeán** *adx.* Ver PALMESA /3960. (Per.).

3959 **palmeira 2** *adx.* Ver PALMESA /3960. (Negra.).

3960 **palmesa** *adx.* [Vaca] cos pezuños moi longos. (Fara., Gaxate, Gui., Per., Per1, Piñe., Verdu.).

3961 **pateña** *adx.* [Vaca] que ó andar apoia nos moles e levanta as unllas por diante. (Alla2, Gro4, Pal., Viso1, Viso2).

3962 **plaiera** *adx.* [Vaca] cos pezuños moi longos. A nosa fonte escribe *playera*. (Saiar).

3963 **plainuda** *adx.* [Vaca] cos pezuñs moi longos. O amanuense engade esta nota: "As máis leiteiras", para o que non atopamos explicación ningunha. (Frei.).

3964 **planiza** *adx.* [Vaca] cos pezuños moi longos. (PSeca).

3965 **sapateira** *adx.* Ver ZAPATEIRA /3971. (Cam4, Cang2, Corb., Figue1, Noal, Oroso2).

3966 **sapatilleira** *adx.* Ver ZAPATILLEIRA 2 /3972. (Figue2).

3967 **trillada 3** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca cos pezuños moi longos". (Com4).

3968 **tropezona 2** *adx.* [Vaca] cos pezuños moi longos. (Meir.).

3969 **uñeira 2** *adx.* [Vaca] cos pezuños moi longos. (Estr4).

3970 **zampallona 2** *adx.* [Vaca] cos pezuños moi longos. (Alence).

3971 **zapateira** *adx.* [Vaca] cos pezuños moi longos. (Com1, Feás-A, San, Salv3, SComba, XER. ILG:71 (C:27, LU:9, OU:9, PO:26)).

3972 **zapatilleira 2** *adx.* Ver ZAPATEIRA /3971. (Ben, Caa., Cab., Ced., Com1, Dozón, Gro2, Mon., Mosen., Peroxa, Santi.).

3973 ***zapatillera** *adx.* Ver ZAPATILLEIRA 2 /3972. (Vala.).

3974 **palmeira dos pés** *loc. adx.* Ver PALMEIRA 2 /3959. (Pravio).

3975 **ser de cascos ghrandes** *loc. v.* Ver SER DE UÑAS LONGAS /3979. A nosa fonte escribe *vaca de cascos jrandes*. (Suevos).

3976 **ser de cascos larghos** *loc. v.* Ver SER DE UÑAS LONGAS /3979. A nosa fonte escribe *de cascos larjos*. (Codeso., Lañas, Sofán).

3977 **ser de unllas larghas** *loc. v.* Ver SER DE UÑAS LONGAS /3979. A nosa fonte escribe *larjas*. (Morai., Rus).

3978 **ser de uñas largas** *loc. v.* Ver SER DE UÑAS LONGAS /3979. As nosas fontes din *vaca de uñas largas*. (Caban., Damil, Mondo2, Veste., Xudán1).

3979 **ser de uñas longas** *loc. v.* Ter [unha vaca] os pezuños moi longos. A nosa fonte escribe *d'uñas longas*. (Mira.).

3980 **ser *blanda dos cascos** *loc. v.* Ter [unha vaca] os pezuños moi longos. (Rábade).

3981 **ser *blanda dos pés** *loc. v.* Ter [unha vaca] os pezuños moi longos. (Consta.).

3982 **te-las pezuñas ghrandes** *loc. v.* Ver TE-LAS UÑAS LONGAS /3987. A nosa fonte escribe *con pezuñas jrandes*. (Beman.).

3983 **te-las unllas ghrandes** *loc. v.* Ver TE-LAS UÑAS LONGAS /3987. A nosa fonte escribe *con unllas jrandes*. (Grixoa).

3984 **te-las uñas ghrandes** *loc. v.* Ver TE-LAS UÑAS LONGAS /3987. A nosa fonte dá como lema *vaca cas uñas ghrandes*. Vviño recolle *vaca con as uñas grandes*; noutras localizacións: *jrandes*. (Car2, CarbCo., Fuxás, Poulo, Vviño).

3985 **te-las uñas largas** *loc. v.* Ver TE-LAS UÑAS LONGAS /3987. En PSil: *vaca cas uñas largas*; en Agro., Lago, Lucí, Ortoño: *vaca con as uñas larjas*. (Agro., Lago, Lucí, Ortoño, PSil).

3986 **te-las uñas loncas** *loc. v.* Ver TE-LAS UÑAS LONGAS /3987. A nosa fonte dá como lema *cas uñas loncas*. (Buga-N).

3987 **te-las uñas longas** *loc. v.* Ter [unha vaca] os pezuños moi longos. Cadrón e Sisto din *vaca cas uñas longas* e Pedro. *vaca das uñas longas*. (Cadrón, Pedro., Sisto).

3988 **te-lo pesadoiro moi alto** *loc. v.* A nosa fonte defíneo como "vaca cos pezuños moi longos". Supoñemos que se refire a *pexadoiro* (ver 2129). (Vixoán).

3989 **te-los cascos largos** *loc. v.* Ver TE-LAS UÑAS LONGAS /3987. A nosa fonte dá como lema *vaca con cascos largos*. (Laxosa, Meira2, Parga, Rib-S).

3990 **te-los pesuños largos** *loc. v.* Ver TE-LAS UÑAS LONGAS /3987. A nosa fonte dá como lema *con pesuños largos*. (Lampón).

3991 **ter boas lorchas** *loc. v.* Ver TE-LAS UÑAS LONGAS /3987. A nosa fonte recolle como lema *vaca con boas lorchas*. (Anca).

3992 **ter boas pezunllas** *loc. v.* Ver TE-LAS UÑAS LONGAS /3987. A nosa fonte recolle como lema *vaca con boas pezunllas*. (Baíñas).

3993 **ter uñas largas** *loc. v.* Ver TE-LAS UÑAS LONGAS /3987. A nosa fonte dá como lema *con uñas largas*. (Crendes, Meir.).

3994 **ter zapatas** *loc. v.* Ver TE-LAS UÑAS LONGAS /3987. (Cur.).

3995 **ter zapatilleiras** *loc. v.* Ter [unha vaca] os cascos longos e bater neles, coma se tivese zapatos. (Ctel1).

3996 **ter zapatillas grandes** *loc. v.* Ver TER ZAPATILLEIRAS /3995. A nosa fonte dá como lema *zapatillas grandes*. (Ribad.).

3.2.21. Gando con calo nos xeonllos

Un defecto común no gando estabulado en modernas cortes co chan de cemento é a presenza dun calo nos xeonllos das patas dianteiras provocado polo roce continuo da pel contra o cemento. A causa deste problema hai que buscala na especial forma de deitarse e erguerse do gando vacún, que apoia todo o seu peso nos xeonllos para realizar estas accións. Para deitarse, os bóvidos comezan por flexiona-las mans ó tempo que baixan a cabeza, logo apoian un xeonllo e logo o outro, e flexionan os membros posteriores cara adiante para deixarse caer sobre o costado. Para erguerse levantan primeiro o terzo posterior, permanecendo axeonllados por un momento, e logo estenden os membros anteriores, un despois do outro. Incluso, cando están deitados, apoian o corpo sobre o peito, coas mans pregadas baixo o corpo.

Ás veces, o continuo traumatismo que sofren nos xeonllos e as posibles erosións ou feridas que se poidan producir remata complicando este defecto e dando lugar a unha sinovite, que veremos máis adiante no capítulo de *Patoloxía* (8.6.7).

3997 ***almoadillada** *adx.* [Vaca] que ten moletas ou **almoadillas*. (Com1).

3998 ***cuadrera 1** *adx.* [Vaca] que vén dunha corte moderna de cemento. Nótase porque ten un calo no xeonllo, tamén chamado **rodilleira*. (Cam1).

3999 ***rodilleira 4** *adx.* [Vaca] con inflamación na articulación radio-carpiana. Fracasan polo xogo e páganse menos. (Cam1).

4000 **fracasar polo xogo** *loc. v.* Claudicarlle o xeonllo [ás vacas con **rodilleira*]. Este defecto devalúa no trato as vacas procedentes de cortes de cemento. (Cam1).

3.2.22. Gando con defectos nos dentes

4001 **leitugas 1** *s.f.pl.* Manchas negras nos dentes do gando e que se consideran como un defecto para reduci-lo prezo. *As 'leitugas' ou manchas negras que se descobren nos dentes dalgunha res ou xugada, despois de 'rexistra-las' (recoñece-las) para saber se teñen algún defeito e 'de que boca están' e tempo que teñen cando se mercan na feira ou fora dela, que se xulgan como causa de que se refuguen ou de que se lles poña defeito para que llas vendan desprezadas*. (Parade.:280).

4002 **liñaceira 2** *s.f.* Manchas nun dente como consecuencia dun croque. Ver tamén LIÑASEIRA /7895. (Ctel1).

4003 **fanada** *adx.* [Vaca] á que lle caeu algún dente. (Común).

4004 **farona** *adx.* [Vaca] cos dentes moi grandes. Ver, en cambio, FARÓN /3511. (LG).

3.2.23. Gando sen rabo

Na gandería tradicional a falta de rabo, como consecuencia dun traumatismo ou enfermidade, é un defecto e así o expresa o léxico e os refráns que imos ver. O rabo, entre outras cousas, coa súa extraordinaria mobilidade serve para que o animal axote as moscas e os tabáns e tamén é un elemento que expresa o seu estado de ánimo.

Con todo, temos que constatar que no último terzo do século XX a gandería intensiva introduciu a moda de lles cortar ás vacas estabuladas e dedicadas á produción de leite primeiro os cornos (para que non se molestasen entre elas) e despois o rabo (para facilita-la hixiene da parte posterior do corpo do animal). Naturalmente isto tivo que levar aparellado un sistema de eliminación dos insectos na corte,

con diferentes sistemas que inclúen a utilización de produtos químicos repelentes aplicados sobre a pel do animal [391].

En 2009 xa se vén de volta desta moda da caudotomía. O Comité Permanente do Convenio Europeo sobre a Protección dos Animais nas Explotacións xa recomendara en 1988 no seu artigo 17,1, a prohibición de tódalas operacións que supuxesen perda dunha significativa cantidade de tecido ou a modificación da estrutura ósea do bovino, nomeando na epígrafe c. a amputación do rabo [392]. E o MAPA [393] na súas *Guías de prácticas correctas de hixiene* recolle, referido á vaca nodriza, (2007[2]) o seguinte:

> *En cuanto a las modificaciones externas de los animales, deberán prohibirse las operaciones que supongan pérdida de una cantidad significativa de tejido o la modificación de la estructura ósea del bovino y, en particular:*
> *• La modificación o mutilación de la lengua.*
> *• El descornamiento por métodos distintos de la ablación quirúrgica de los cuernos.*
> *• La amputación del rabo.*

Aínda que os textos anteriores non teñen valor normativo, si que indican a dirección da sensibilidade profesional neste asunto do benestar animal: quere dicir, que, en certa medida e neste punto, a gandería moderna parece reencontrase coa valoración da gandería tradicional. A prohibición da caudotomía en California entra en vigor en xaneiro de 2010 [394] e non sabemos se esta sensibilidade xa se fixo norma noutros lugares.

4005 **cota 3** *adx.* [Vaca] sen rabo. (Vtose.).
4006 **cotela 3** *adx.* [Vaca] sen rabo. (Ribe2, Vxoán).
4007 **cotelo 2** *adx.* [Animal] sen rabo. (Gro1).
4008 **cotena** *adx.* [Vaca] sen rabo. (Laxosa).
4009 **croca 5** *adx.* Ver ESCROCADA 2 /4013. (San.).
4010 **derrabada 2** *adx.* [Vaca] sen rabo. (Ced., Mondo1, Porto).
4011 **desrabada 2** *adx.* Ver DERRABADA 2 /4010. (Negra.).
4012 **dexemada 2** *adx.* [Vaca] co rabo curto. (San.).
4013 **escrocada 2** *adx.* [Vaca] sen rabo. (Ribe2, Verdía).
4014 **fanado 2** *adx.* [Animal] ó que lle falta o rabo. (Común).
4015 **fanoto 2** *adx.* Ver FANADO 2 /4014. (Mez., Porto).
4016 **lota** *adx.* [Vaca] sen rabo. Semella erro por *cota*. (Enxames).
4017 **rabelo** *adx.* [Animal] sen rabo. Nos arquivos do ILG recóllese esta voz en feminino: *vaca rabela*. (Común. ILG:111 (C:54, LU:13, OU:8, PO:36)).
4018 **rabelón 1** *adx.* Ver RABELO /4017. (CP).
4019 **rabelleira** *adx.* Ver RABELO /4017. (Ribó).
4020 **rabeno** *adx.* Ver RABELO /4017. Nos arquivos do ILG recóllese esta voz en feminino: *vaca rabena*. (Antas3, Burela1, Caa., Cab., Camba, Chan., Com1, CP, Cubi2, Cur., Dis., ERG, Fara., Feás-A, Fre., Gui., Gun., Lan., Laxosa, Mel1, Melias, Mon., Mondo2, Nove., Oirán, Pantón, Piquín, Piñe., Rábade, Vala., Vala1. ILG (C: 39)).
4021 **raboa** *adx.* Ver RABELO /4017. (Arroxo, Burgo).
4022 **raboca** *adx.* Ver RABELO /4017. (Abadín, Meira2, Taboa.).
4023 **rabón** *adx.* Ver RABELO /4017. Nos arquivos do ILG recóllese esta voz en feminino: *vaca rabona*. (Burón, Cal., ERG, Goián, Goián2, Gud., Mez., Mra., Suarna, Ver1, Vil., VLLM. ILG:30 (C:1, LU:1, OU:10, PO:16, GExt.:2)).
4024 **raboto** *adx.* Ver RABELO /4017. No Bolo e Peno., *vaca rabota*. (Bolo, Peno., Ram.).
4025 **rabúa** *adx.* Ver RABELO /4017. (Xudán1).
4026 **rabuco** *adx.* Ver RABELO /4017. Nos arquivos do ILG recóllese esta voz en feminino: *vaca rabuca*. (Alence, Barre., Dúas, Incio, Laiosa, Lan., Noalla, Penela, Suarna, Vill-O, Vixoán).
4027 **rabucha** *adx.* Ver RABELO /4017. (Amandi, CTui).
4028 **rabuda** *adx.* [Vaca] sen rabo. (Corre., Dozón, Salv3).
4029 **zorete** *adx.* [Animal] sen rabo ou co rabo curto. (Hermi.).
4030 **zoreto** *adx.* [Animal] rabelo. CP localiza esta voz en Viana do Bolo. (CP, Enxames, ERGa).
4031 **zurete** *adx.* Ver ZORETE /4029. (Hermi.).
4032 **zureto** *adx.* Ver ZORETO /4030. (CP, ERGa).
4033 **zuro** *adx.* Ver ZORETO /4030. En Lamas, PSeca e VFrore: *vaca zura*. CP localiza esta voz en Ambía, A Limia, Rábade e Verín. (CP, Lamas, PSeca, Ver4, VFrore.).
4034 ***escolada** *adx.* [Vaca] sen rabo. (Cal.).

[391] X.R. Alvite ironizaba recentemente sobre a lóxica aparición da doenza das vacas tolas con este tipo de gandería (XRA). Na mesma liña expresábase A. Eiré (AE2).

[392] http://www.mapa.es/ganaderia/pags/bienestar/pdf/recomendacionbovinos.pdf [15.12.2009].

[393] http://www.mapa.es/ganaderia/pags/practicas/INVAC.pdf [15.12.2009].

[394] Este Estado foi un dos primeiros nos Estados Unidos en prohibi-las gaiolas de xestación para as porcas, as gaiolas en batería para as galiñas, o consumo de animais caídos e a alimentación forzada de patos e gansos para face-lo foie-gras.

Labrador sen carro, é como a vaca sen rabo. (Sob3)
O demo é iste boi rabón, farto de palla non quer arar non. (VLLM:1,147) [395]

3.2.24. Gando con parálise do rabo

4035 **croqueira** *adx.* [Vaca] á que non se lle levanta o rabo. (Ctel1).
4036 **descocada** *adx.* [Vaca] co rabo metido entre o cu. (Ctel1).
4037 **desrabada 1** *adx.* [Vaca] co rabo afundido. (Arc1).
4038 **escrocada 1** *adx.* [Vaca] que, como consecuencia dun golpe, ten afundida a croca e nin ergue nin move o rabo. (Común).

3.2.25. Gando cos ombreiros desiguais

4039 **pencio** *adx.* [Animal ou persoa] que ten un ombreiro máis alto có outro. (LG, Piquín).
4040 **penzo** *adx.* Ver PENCIO /4039. (FA, Grixó).

3.2.26. Gando co lombo afundido

4041 **ensillada** *adx.* [Vaca] que ten o lombo afundido ben por descalcificación, ben por golpe. (Gro4, Mez.).
4042 **gubilán** *adx.* [Animal] co lombo afundido. (LG).
4043 **panda 1** *adx.* [Vaca] co lombo afundido a consecuencia dun golpe. (Gro4, Mel1, San., So.b).
4044 **pandela 1** *adx.* Ver PANDA 1 /4043. (Sob.).
4045 **pandiñado** *adx.* Ver PANDA 1 /4043. (ERG, LG).
4046 **pandoiro** *adx.* Ver PANDA 1 /4043. Ten valor despectivo. Aplícase tamén ás persoas. (Piquín).
4047 **silleiro** *adx.* [Animal] que ten o lombo afundido de nacemento. (LG, Xun2).

3.2.27. Gando cun cadril afundido

4048 **anasar un cadril** *loc. v.* Ter [unha vaca] un cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Laxosa).
4049 **baixar un cadril** *loc. v.* Ter [unha vaca] un cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Carño2, Dozón, Piñor).
4050 **te-lo cadril baixado** *loc. v.* Ter [unha vaca] un cadril afundido a consecuencia dun golpe. A nosa fonte dá como lema *cadril baixado*. (MCouso).

3.2.28. Gando co ollal afundido



Vaca co ollal afundido.

[395] Llópiz di que hai un sinónimo na antiga col. de Hernán Núñez. Ben mirado, alí está *El diablo es este buey rabón, harto de paja y no quiere arar non.* Non se ve clara a relación que pode haber entre te-lo rabo cortado e non querer traballar pero nos primeiros dicionarios casteláns a voz *rabón* xa ten ese significado, aínda que se pareza algo ó galego *rebelón - rabelón*.

4051 **encovada** *adx.* [Vaca] que ten o ollal moi afundido. Non se ten por cousa mala senón por simplemente fea. (Cam1).
4052 **esfuracada** *adx.* [Res vacúa] coa rexión anal afundida. (Piquín).
4053 **esfurocada** *adx.* Ver ESFURACADA /4052. (Barcia, Piquín).
4054 **ter cova** *loc. v.* Te-lo ollal afundido [unha vaca]. (Cam1).
4055 **ter covado** *loc. v.* Ver TER COVA /4054. (Cam1).

O boi fraco trai a merenda debaixo do rabo. (ERG:boi) [396]

3.2.29. Vacas secas dun teto

4056 **escusado** *adx.* [Teto] inútil, atrofiado, probablemente como consecuencia dunha mamite mal curada. *Ten un teto escusado, que non dá leite*. ERQ2 engade as seguintes precisións etimolóxicas: "Parece que debe referirse al l. *excusare*. Vimos en Frampas I *escoxar* 'parar de dar leche la hembra, en parte o en todo', igual que en Cabrales, Ast. *escosar* 'dejar de dar leche la vaca', parónimos. Quizás todos haya que referirlos al l. *excusare* (cf. *ex-cursare*) 'escurrir, brotar de', distintos de *escusar* (cast. *excusar*) del l. *excusare* 'evitar' (*ex*= non, y *causa*), de donde también el gall. *escusar* 'no hacer falta', tan usado. Cf. las frases *escúsalo faguer*, *escusar ir* (no hace falta...); *ajora escusámoste, non veñas* (no te necesitamos...), *escuseino faguer* (no debía haber hecho) etc. por ej. en A Limia". (Foncu., Xun2).
4057 **espoxada** *adx.* [Vaca] que queda seca dunha fonte. (Arc1).
4058 **manca 1** *adx.* [Vaca] que seca dunha fonte. (Arc1).
4059 **manca dun teto** *loc. adx.* Ver MANCA 1 /4058. (Arc1).
4060 **pensa do ubre** *loc. adx.* [Vaca] co ubre torto. (Común).
4061 **penza do ubre** *loc. adx.* [Vaca] co ubre torto. (Común).

3.2.30. Vacas cos tetos diminutos

4062 **rasa no ubre** *loc. adx.* [Vaca] de tetos diminutos. (Ctel1).

3.2.31. Gando que dobra a vista

4063 **birollas** *adx.* [Vaca] que dobra a vista. (Común).
4064 **chosca 3** *adx.* [Vaca] á que lle falta un ollo (Cam1, Noalla) ou mesmo vaca cega (Verdu.). (Cam1, Noalla, Verdu.).
4065 **reboughada** *adx.* [Vaca] que dobra a vista. (Ctel1).
4066 **reloghera 1** *adx.* [Vaca] á que lle baila a vista. En Sabu3, dise da vaca que ten problemas na vista por cousa de padecer cataratas. Pero en Morga. (do ILG: Gondomar), recollen *relojera*: "vaca que pestañea". Sabu3 escribe *relojera*. (Común).

3.2.32. Gando sucio

4067 **buñiqueada** *adx.* [Vaca] manchada de *buñica* (bosta). (Ancares2).
4068 **desestrada** *adx.* [Corte ou vaca] que está sucia por non lle renova-lo estrado. (Burón, Piquín, Suarna).
4069 **encascarrada** *adx.* [Res vacúa] chea de *cascarras*. (Mra.).
4070 **espateada** *adx.* [Vaca] sucia por te-la cama falta de estrume. (Dum.).
4071 **gurrión** *adx.* [Animal] pequeno e sucio. (Piquín).

[396] Nos bóvidos fracos prodúcese unha cova na rexión anal, baixo o rabo, na que se acumula a bosta.

3.2.33. Vacas mamonas

4072 **mamona 2** *adx.* [Vaca] que ten o costume de mamar nas outras ou nela mesma. Póñenlle un colar de puntas para que non o faga. (Arc1).

3.2.34. Gando que come mal

4073 **bandougón** *adx.* [Animal] golecho. (Piquín).
4074 **estrañón** *adx.* [Boi ou vaca] que non come cando cambia de dono ou de presebe. *O boi vello é un bicho moi estrañón*. (Ctel1).
4075 **galdramado** *adx.* [Animal] desganado para comer. (LG).
4076 **pildrón** *adx.* [Animal] que pace aquí e alá, como despuntando só a herba. (LG, Xun2).
4077 **espicañar** *v.* Pacer mal [un animal]. (Piquín).
4078 **espinicar** *v.* Pacer mal [un animal]. (Piquín).
4079 **restroballar 3** *v.* Comicha-la herba no pasto [unha vaca] deixando máis do que come. (LG).
4080 **te-lo piqueiro** *loc. v.* Ver TE-LO SECO /4081. (Ctel1).
4081 **te-lo seco** *loc. v.* Comer unicamente seco [unha vaca]. (Arc1).
4082 **te-lo sequío** *loc. v.* Ver TE-LO SECO /4081. (Saln.).

3.2.35. Vacas con problemas na reprodución

4083 **apretada 1** *adx.* [Vaca] que ten a nacenza (cinto pelviano) estreita. O noso informante de Noalla3 descríbea como que non está "desarrollada de atrás". (Cam1, Gro4, Noalla3).
4084 **rufeña** *adx.* [Vaca] que non quere ir ó boi. (Arc2).

Vaca lueira, nin na casa nin na feira. (VS)

3.2.36. Gando fraco



Vaca fraca.

4085 **almallo 3** *s.m.* Boi fraco. (ERG).
4086 **armallo 3** *s.m.* Boi fraco. (ERG).
4087 **bellanco** *s.m.* Ver MIANGO /4092. (Vila.).
4088 **bilango** *s.m.* Ver MIANGO /4092. (TapiaO).
4089 **canfornio** *s.m.* Conxunto de ósos dun animal fraco. *A Marela, un canfornio de ósos e pelexos*. Eladio Rodríguez recólleo de Otero Pedrayo, *O mesón dos ermos*. (ERG).
4090 **gorrobello** *s.m.* Animal [planta e mesmo persoa] desprezable, pequeno, que non medrou, que quedou *engorrobellado*. (ERG).
4091 **meñanco** *s.m.* Ver MIANGO /4092. (Meis).

4092 **miango** *s.m.* [Animal] decaído de carnes. (Piquín).
4093 **mioto** *s.m.* Ver MIANGO /4092. (Vila.).
4094 **sarrizo** *s.m.* Espiñazo moi visible nun animal fraco. (Camba, Chan., Laiosa, Lemos, Piñe., Sisto, Vedra, Veste., Vrei.).
4095 **vacarela** *s.f.* Vaca delgada e de pouco corpo. A nosa fonte di simplemente "*Vacarela* ou vaca enxel". (Parade.).
4096 **achacío** *adx.* [Animal] que pouco máis ten que ósos e pel. Tamén se aplica á xente. (ERG).
4097 **arregazado** *adx.* [Res] con pouca barriga. (Piquín).
4098 **cambril 2** *adx.* [Animal] fraco. Aplícase tamén ás persoas. (Piquín).
4099 **cambroio** *adx.* [Persoa ou res] seca e contrafeita. (Piquín).
4100 **canivés** *adx.* [Bovino] acanaveirado, fraco coma unha cana. (VLLM).
4101 **costana** *adx.* [Vaca ou persoa] moi fraca. (Piquín).
4102 **descarnido** *adx.* [Animal] descarnado, sen carnes. (Piquín).
4103 **desdeño** *adx.* [Gando vacún] que está moi fraco. *Estar desdeña unha emprega* é estar nos ósos unha cabeza de gando vacún. Eladio Rodríguez cita a Antón Noriega Varela. (ERG).
4104 **embreiado** *adx.* [Animal] excesivamente fraco. (Cañiza).
4105 **esbagozado** *adx.* [Persoa ou animal] fraco, estransillado. (More.).
4106 **escadabullado** *adx.* [Animal ou persoa] tan fraco que se lle contan os ósos. (Xun2).
4107 **escadavado** *adx.* [Animal ou persoa] fraco. (Xudán2).
4108 **escadoupado** *adx.* [Gando] fraco. Aplícase tamén ás persoas. (Piquín).
4109 **escairado** *adx.* [Animal] moi fraco. (Nete).
4110 **escalabouzado** *adx.* Fraco, osento, mal conformado e mal amañado. (Xun2).
4111 **escalleirada** *adx.* [Vaca] fraca e coa barriga fonda. (PAre1).
4112 **escanizado** *adx.* [Animal] fraco de máis. (Saa).
4113 **escareixado** *adx.* [Animal] consumido e seco. (Barcia, Piquín).
4114 **esfamelgado** *adx.* [Animal] fraco. (Meira).
4115 **esgairada** *adx.* [Vaca] famenta ou fraca. (Piquín).
4116 **esgalgueñado** *adx.* [Animal] que polo fraco semella un galgo. (Piquín).
4117 **esgalichado** *adx.* [Animal] moi delgado, que está nos ósos. (ERG).
4118 **esgarabillido** *adx.* [Animal] seco e engurrado. Tamén se chaman así herbas, meses e persoas que teñan tal condición. (Piquín).
4119 **esgarabullido** *adx.* Ver ESGARABILLIDO /4118. (Seix).
4120 **esgoldrapeado** *adx.* [Animal] fraco e desfeito. Dise tamén de persoas. (Piquín).
4121 **esgurriada** *adx. desp.* [Res vacúa] enferma ou fraca. (Piquín).
4122 **esperecido** *adx.* [Animal] marcadamente fraco, que están nos ósos. (Xun2).
4123 **estransillada** *adx.* [Vaca] caquéctica cos illares moi afundidos. Co mesmo adxectivo califícase á persoa que anda con dificultade (Sob.) ou que está estreñida (Caa.,Gui.). (Común).
4124 **estranxilada** *adx.* [Vaca] baleira, chea de fame. *Estas vacas están moi estranxiladas, percen estrigas*. (TCha).
4125 **estrullada** *adx.* [Vaca] caquéctica cos illares moi afundidos. (ERG).
4126 **facareña** *adx.* [Vaca] endebre, frouxa e faltosa. (Parade.).
4127 **famelga** *adx.* [Vaca] fraca. (Piquín).
4128 **faquiroso** *adx.* [Animal] fraco. Aplícase tamén ás persoas. (Carba1).
4129 **fioulo** *adx. desp.* [Animal] delgado. Aplícase tamén a persoas. (Piquín).
4130 **firoulo** *adx.* Ver FIOULO /4129. (Piquín).
4131 **flaqueiro** *adx.* [Animal] bastante fraco. (Xun2).
4132 **franquilón** *adx.* [Animal] fraco. (Acevo).
4133 **fraque** *adx.* Fraco. (Piquín).
4134 **gabiocho** *adx.* [Persoa ou animal] delgado. (Made.).
4135 **garangolo** *adx.* [Animal] pequeno, delgado e ruín. (Piquín).
4136 **garnecho** *adx.* [Animal] fraco e desgarbado. Tamén se di da xente. (Piquín).
4137 **garnichelo** *adx.* Ver GARNECHO /4136. (Made.).
4138 **goldrán** *adx.* [Animal] fraco de máis. ERGa recólleo tamén de Aníbal Otero, e localiza a voz en Soutelo. (ERGa, Piquín).
4139 **gorranfallo** *adx.* Ver GURRIALLO /4141. (Acevo).
4140 **guirimbolo** *adx.* [Animal] moi delgado e desgarbado. (Piquín).
4141 **gurriallo** *adx.* [Animal] pequeno e desprezable. Tamén se di da xente. (Piquín.).
4142 **gurrifallo** *adx.* Ver GURRIALLO /4141. (Hos).
4143 **langrista** *adx.* [Animal ou persoa] delgada e lixeira. *Langrear* é desfalecer coa fame. (Piquín).
4144 **lerco** *adx.* [Animal] fraco e desgarbado. (Barcia).
4145 **louseño** *adx.* [Animal] delgado, fraco, seco de carnes. ERG aplícao maiormente ó porco. (ERG).
4146 **rampela** *adx.* [Vaca] pequena e delgada. (Feás-A, Mel1, San., Sob.).
4147 **ratera** *adx.* [Vaca] raquítica ou simplemente máis pequena do normal. (San.).
4148 **repelón** *adx.* [Animal] excesivamente fraco e que ten o pelo de punta. (Burón, Suarna).
4149 **respliegho** *adx.* [Animal] ruín, depauperado. *É un animal respliegho; está respliegho* "de mal aspecto". (Xun2).
4150 **riquítica** *adx.* [Vaca] que non medra. (Común).

4151 **secón** *adx.* [Boi] seco, fraco, de poucas carnes. VGR dá este exemplo *Está secón ese buey*. (VGR).

4152 **escanabeirar** *v.* Enfraquecer [unha persoa ou animal]. (Piquín).

4153 **escroufarse** *v.* Perde-la carne [unha vaca] e leva-la pel solta e os ósos marcados. (Cou1).

4154 **esgarabillirse** *v.* Ensumirse [un animal] por mala alimentación. Tamén se di de plantas mal estercadas. (Piquín).

4155 **esperecer** *v.* Morrer de fame [o gando], quedar nos ósos por enfermidade ou outra causa. *Ten o ghado todo esperecido*. (Xun2).

4156 **estar coma unha angurina** *loc. v.* Estar fraco de máis [un animal ou persoa]. A nosa fonte dá como lema *angurina*. (Piquín).

4157 **estar coma unha langurina** *loc. v.* Ver ESTAR COMA UNHA ANGURINA /4156. (Martín).

4158 **parecer un cadaleito** *loc. v.* Estar fraco [un animal grande]. (Piquín).

4159 **parecer unha lamberca** *loc. v.* Ser [unha vaca ou muller] lixeira e seca, de xenio vivo. A nosa fonte dá como lema *lamberca*. ¿Derivará metaforicamente da *laberca* (ave)? (Acevo).

A gando fraco todo son carrachos. (XERCG:553; XERCG:595) [397]
Gado fraco, todo é carrachas. (VLLM:1,179)
Gado fraco, todo é carracho. (VLLM:2,79)
Gando flaco, todo se compón de carrapatas. (Gud5:97)
Gando fraco, todo é carrachas. (JASA:342; JASA2:373; JASA3:222; EAG:17; ERG:gando; ZM:113; VLLM:2,79; UCA2:37) [398]
A gado fraco, cómeo o moscardo. (VLLM:2,79) [399]
Ó mal gado pápao o moscardo. (VLLM:2,79) [400]
A soberbia está sempre no gando fraco. (Trazo) [401]
A vaca do probe, todo é miseria. (VS)
Á vaca fraca non lle faltan chocas e raña. (VLLM:1,132) [402]
Ao boi fraco non lle falta raña e argabazo. (VLLM:1,129) [403]
Ao boi canivés a corna lle crez. (VLLM:1,128) [404]
Boi fraco con ósos labra. (VG:5.07.86) [405]
Da vaca fraca, a língoa e a pata. (VLLM:1,139) [406]
Dunha vaca fraca sai un bo xatiño. (VLLM:1,141) [407]
Égoas e vacas por abril andan fracas. (VLLM:2,87) [408]
Égoas e vacas por abril as máis delaivadas. (VLLM:2,87) [409]

---

[397] Corresponde co cast. *A perro flaco todo son pulgas*.

[398] ZM: *todo son.* Llópiz di que este refrán hai que aplicalo máis ben ás ovellas, porque, afirma, *carracha* é o arácnido parasito das ovellas; que o das vacas se chama *carracho* e o dos equinos *garrapacho* ou *carrapacho*; por iso considera que a var. *Gado fraco todo é carracho* só se aplica ó bovino. JASA di: *El perro flaco todo es pulgas. Así el refrán gallego como el castellano se usan en sentido alegórico*.

[399] Llópiz: *o come*; explica que *moscardo* é a mosca equina, que debe se-lo tabán. Recólleo de E. Puga (*Refr. de Curtis y Vilasantar*).

[400] Llópiz recólleo en Vilasantar.

[401] No texto: *ghando*.

[402] Llópiz explica *chocas* como pegotes de bosta nas coxas e costas e *raña* como sarnícola dos animais mal atendidos. El dicir di *farta* pero entendemos que debe dicir *fraca*, non só para que o refrán teña xeito senón porque el mesmo dá noutro lado un refrán paralelo: *Ó boi fraco non lle falta raña e argabazo*.

[403] Llópiz explica que *argabazo* son *cazcarrias pegadas a las ancas de las reses ovinas y vacunas*.

[404] Llópiz explica *canivés* como *acanaveirado*, *flaco como una paja*. Di que o recolle de Puga Torres, de Touzo (Maseda-Lugo).

[405] Aínda que a fraquén é unha característica negativa, o refrán alude a que o esforzo dos débiles e a resistencia no traballo suplen as súas deficiencias, sacando forzas de fraqueza; maiormente cando a alternativa é o matadoiro.

[406] Llópiz recólleo de Marcellán (Ferrol 1870).

[407] Llópiz: *D'unha*; recólleo de J. F. Losada, prof. vet.

[408] Llópiz explica que andan fracas porque levan meses pechadas na corte e porque o vigor da herba nova altéralle a dixestión e pro-dúcelle cólicos. Se a primeira parte da explicación parece correcta, a segunda parécenos discutible. Non debe se-lo vigor da herba fresca o que produce trastornos senón o cambio de alimentación de palla e herba seca, que reciben no inverno, á herba fresca que pacen no campo na primavera: isto si que pode provocar trastornos dixestivos coma calquera cambio alimenticio brusco. Pero un correcto manexo dos animais evita este cambio brusco e, polo tanto, pode evita-lo problema.

[409] Llópiz explica que *delaivada* significa escuálida.

En abril morre a fraca, a colmea, non a vaca. (AO:trobo) [410]
O boi fraco trai a merenda debaixo do rabo. (ERG:boi) [411]
Testa vén a vaca, inda que fraca. (VLLM:1,153) [412]
Vaca de pouca [h]erba, pouco leite e mala esterca. (VLLM5) [413]
Vaca estransillada, nin bo leite nin boa crianza. (ERG:vaca) [414]
Vaca estransillada, nin leite nin crianza. (ANV1:80; VS)
Vaca estrullada, nin leite nin crianza. (ERG:estrullada; ANV1:80; ANV4:17; VLLM:1,157; XTC4; VS) [415]

... saleu o Picante
das cexas peladas
ide, miñas nenas,
ide polas vacas
ai si, ide polas vacas
ai si, ide polas vacas
viñeron as vacas
e as vacas non tiran
é porque están flacas
a si si, é porque están flacas
ai si si, é porque están flacas
... [416]

3.2.37. Outras características negativas

4160 **pelouro** *s.m.* Animal de mal pelo. (Xun2).
4161 **sinestre** *s.m.* Ver COLLER UN SINESTRO /4176. (Xun2).
4162 **algareiro** *adx.* [Gando] que non acouga nun sitio e que adoita entrar nos cultivos alleos. (LG).
4163 **algarioa** *adx.* [Vaca] que algaría. *Algariar* é anda-lo gando no prado dunha parte a outra sen parar a pacer. (Piquín).
4164 **argareiro** *adx.* Ver ALGAREIRO /4162. (LG).
4165 **bosteiro 4** *adx.* [Animal] que come bosta. (LG).
4165b **chata** *s.f.* Calquera defecto que rebaixe o valor comercial dun bovino. *Os bois non ten chata, nin siqueira un alifás* (Cunt3). (Cunt3., Grixó, Mora5., PL1, Pont.).
4166 **cortada 3** *adx.* [Vaca] á que se lle marca un corte ou fenda nos glúteos entre o cadril e a croca. Desvalorízana no trato. (Cam1).
4167 **empexegada** *adx.* [Vaca] que enlea unha corda entre as patas. (Muxía).
4168 **fanoto 3** *adx.* [Animal] sen orellas. (Hermi.).
4169 **mona 5** *adx.* [Vaca] sen orellas. (LG).
4170 **pigorzo** *adx.* [Animal ou persoa] de pescozo longo e delgado. (CP, Piquín).
4171 **ramalleira** *adx.* [Vaca] que adoita meterse nas ramallas. (TCha).
4172 **ransoña** *adx.* [Vaca ou persoa] que non se move. (Martín).
4173 **vederioa** *adx.* [Vaca] que anda dunha parte a outra no prado sen parar a pacer. Aníbal Otero lematiza unha vez *bederión /-oa* e outra vez *vederión / -oa*. (Piquín).
4174 **ventieira** *adx.* [Vaca] algarioa. (Meira).
4175 **vezarse** *v.* Acostumarse [o gando] a algo. Aplícase normalmente cando se trata dun mal costume. (Ced., Com1, Feás-A, Mel1, San., Sob., Toba).
4176 **coller un sinestro** *loc. v.* Adoptar un mal costume [unha res], como patear etc. *A vaca colleu un sinestro e aghora non hai quen a xunga* (Xun2). As nosas fontes dan como lema *sinestro*. (Piquín, Xun2).
4177 **meterse o cinestro no corpo** *loc. v.* Darlle o resaibo ou vicio ós animais domésticos, especialmente ás cabalerías. *Meteuselle o cinestro no corpo*. A nosa fonte dá como lema *cinestro*. (Vilela).

---

[410] Refráns semellantes, como *A ovella do probe no maio morre* (XMSH:135), *Ovella vella i-enxame probe, en marzo aléa i-en mayo morre* (AdC:10; ANV1:92), *Ovella vella e colmea pobre, sai do inverno i en maio morre* (Parade.:225), *Enjamio pobre, se d'o inverno sae, en mayo morre* (EAG:43), *Enxamio probe, no inverno nace e no maio morre* (UCA:38.07), *Enxamio podre, nace no inverno e no maio morre* (UCA2:36) e outros recollidos de Carré Aldao, Álvaro das Casas, Zamora Mosquera e Llópiz cadran en que os enxamios podres ou pobres morren en maio e non en abril. En calquera caso, a explicación que nos dan algunhas das fontes é igualmente válida para calquera dos dous meses: os fríos que indefectiblemente chegan nestes meses primaverais acaban coas abellas das colmeas máis débiles e vellas, ou coas ovellas tosquiadas.

[411] Nos bóvidos fracos prodúcese unha cova na rexión anal, baixo o rabo, na que se acumula a bosta.

[412] Llópiz: *Tésta ve*; explica que *testa* é a vaca retesada, de bo aspecto da pel.

[413] Porque, di Llópiz, *no vale ni para obtener de ella abono de cuadra*.

[414] Outros refráns din: *Muller delgada, de tres meses preñada* (XTC4), *Muller estranxilada, de tres meses preñada* (TCha:95), *Non hai muller máis esbarrigada cá dos tres meses embarazada* (TCha:92) e *Non hai muller máis delgada cá de tres meses preñada* (TCha:132).

[415] Llópiz explica que *vaca estrullada* é vaca moi traballada, sen carnes, con grandes vougos nas illargas e escurrida de ventre. No texto: *Vaca estrulla* (sic) (ANV4).

[416] SCHU1/2/280.

Vaca tristeira e panzuda nin presta nin muda. (VLLM:1,155) [417]

Atrás daquel horto,
hai un boi torto;
non hai home nado nin por nacer
que na corte o poda meter. [418]

Atrás daquel horto
hai un boi torto;
non hai home nin muller
que lle bote o cordel. [419]

3.3. Características neutras

Remataremos citando unha serie de voces coas que se designan características que definían situacións que nós non puidemos valorar positiva nin negativamente. Para a nosa idea, a presenza destas características nunha vaca non implica, en por si, nin un maior aprecio nin unha minusvaloración: é simplemente un elemento descritivo; pero é máis que probable que non acertásemos co sentir do informante para quen, de seguro, estes matices teñen o seu aquel. En calquera caso, como este non calificaba a súa información, non podiamos facelo nós sen risco de equivocarnos, e por iso non nos pronunciamos.

3.3.1. Gando bravo

A primeira impresión que nos produce o concepto de *gando bravo* implica unha serie de connotacións que nos levaría a clasificar estas voces como unha característica negativa ó aplicarse esta denominación ó gando que non se deixa xunguir, que escorna ou fai ademán de facelo, que dá patadas etc.

Porén, cabe sinalar que por veces pode utilizarse tamén co significado de gando forte e temperamental -sobre todo aplicado ós bois-, concepto tamén expresado como *ter xenio*: *este boi ten un xenio do demo, leva arrastro ó outro*, do que se desprende unha valoración evidentemente positiva.

Por ser posible este dobre significado e non ter sempre a información suficiente nas nosas fontes para clasificalo como característica positiva ou negativa, é polo que incluímos este aparado dentro das características neutras.

O léxico que designa o gando bravío que vive en liberdade nos nosos montes pode verse no apartado 9.1.7.

A boi bravo, corda longa. (ERG:boi; XLF2:14; Lourei2; Torne.) [420]
A boi tolo, corda larga. (Viana3)
A gado bravo, corda longa. (VLLM:2,79)
A gando bravo, corda larga. (MVN:276; MVN2:62; UCA2:22; ERG:gando; EAG:7; EAG2:336)(VLLM:2,79; ZM:19; VS) [421]
Boi bravo, corda larga. (Antas4)
Ó gando bravo, corda larga. (XTC4)
Ó gando bravo, corda solta. (VS)
A boi bravo nunca lle faltou cornada. (Rib3) [422]
A boi bravo, rego largo. (Carb-L:219; Curro; XTC4; VS) [423]
A boi bravo, rego lonco. (Salc2) [424]
*A boi bravo, *surco largo.* (VS)
Boi bravo, rego largo. (UCA2:26; ZM:47; ERG:boi; XTC4; MVN:68; MVN2:70; PdM:7; VS) [425]
Ó boi bravo, rego largo. (ERG:boi; VLLM:1,128)

---

[417] Llópiz recólleo en Bande en 1946.
[418] O sol. PM:91.45.
[419] O vento (PM:400.213) ou o sol (APG:133). No texto: *orto*.
[420] Cando un é retorcido, hai que deixalo andar. Tamén temos: *A muller brava, corda larga* (ZM:22, ANV1:81, ANV4:18); *Á muller brava, dálle corda larga* (XAM2:9, XMSM:35); e tamén o refrán contrario: *Á muller e á cabra non lle dés corda larga* (ZM:22).
[421] MVN: *Á gando, còrda*. ZM: *córda, longa*. EAG comenta: *Se aconseja que prudentemente se disimule lo que no puede remediarse al momento, esperando ocasión oportuna para el castigo ó corrección*.
[422] Porque *a un home valente sempre hai outro que lle fai frente*. Na Gudiña: *Nunca a un valente lle faltou unha cornada* (Gud5:114). Ou tamén: *Nunca faltou un roto pra un descosido nin un corno pra un atrevido* (XTC4).
[423] No texto: *regho* (Curro).
[424] No texto: *regho*.
[425] MVN2: *bói*.

Boi bravo, en terra allea faise manso. (VS) [426]
O boi bravo, en terra allea se fai manso. (VS)
O boi bravo na terra allea faise manso. (ERG:boi) [427]
Ó boi bravo trócalle o eido e vírase manso. (VLLM:1,128) [428]
O boi bravo, trocándolle a terra, é mudado. (VLLM:1,146) [429]
Ó boi bravo trócanlle a terra e vírase manso. (VLLM:1,146) [430]
É bravo o touro: ¡árdelle o coiro! (VLLM:1,150) [431]
O touro é bravo: ¡árdelle o rabo! (VLLM:1,150) [432]
Gárdate de volta do boi bravo. (VLLM:1,142) [433]

Véxase máis en diante no apartado 12.1.3. do capítulo *Crenzas*: *Meu San Marcos, que amansas bois bravos, amánsame este fillo que é pior có trasno*.

Carmela, se vas ao prado
pecha ben a portilleira
que hai un touriño bravo
que quere entrar na pradeira. [434]

Carmiña, se vas ó prado
pecha ben a portilleira
que hai un touriño valente
que quere entrar na pradeira. [435]

En el medio de la mare
con pavor se balansea
los toros bravos se amansan
y el amor firme falseia. [436]

Seibei o meu touro bravo
antre as pernas dunha nena
e io touro dá ió rabo
agora ri a morena. [437]

Teño de faer unha grade
das ponlas don limoeiro
aí vos vén o touro bravo
ir chama-lo carniceiro. [438]

Velaí vén o touro bravo,
velaí vén polo terreiro;
o aire levoulle a capa
e o vendaval o sombreiro. [439]

Xa pasei o río a nado
piques de perde-la vida
se eu che son o touro bravo
veño ver se andas salida. [440]

3.3.2. Vacas non preñadas

A falta de preñez nunha vaca, por si mesma, non se pode xulgar como unha característica positiva nin negativa. Habería que sabe-las circunstancias do animal para clasificala nun grupo ou noutro. Nós clasificamos aquí as voces recollidas para denominar esta situación pasando ó capítulo correspondente aquelas voces que implican que están baleiras cando se esperaba que estivesen preñadas, situación esta que si representa un problema, normalmente patolóxico.

---

[426] VS comenta que *En ambiente extraño se procede con mayor moderación que en el propio*, e engade as seguintes equivalencias: P.: *O boi bravo na terra alheia se faz manso* (Chaves), *O boi bravo, mudando a terra, é mudado* (Chaves), E.: *El buey bravo, en tierra ajena se hace manso* (Correas).

[427] Na E. Espasa (s.v. *buey*) comenta *En país extraño se procede con más cordura, moderación y templanza, por faltar el apoyo que se tiene en la patria*.

[428] Llópiz : *Ao*; di que o recolleu de R. Pardo Moure en Monterroso (Lugo).

[429] Llópiz recólleo de J. F. Losada.

[430] Llópiz: *lle trocan* (sic), cremos que erroneamente por *trócanlle*; recólleo de R. Pardo Moure en Monterroso.

[431] Llópiz di que o recolle de Moure Mariño en Hervas (sic) (¿Herves?).

[432] Llópiz di que é locución que encontra en E. Carré Aldao; alude a que *arrecacha-lo rabo* é unha das características dos touros bravos, que se dedican á reprodución.

[433] Llópiz recólleo de P. Dopico, gandeiro de Arteixo.

[434] TCha:62.

[435] RC:114.

[436] SCHU6/2/411.

[437] SCHU1/2/276a. No texto: *antr'as.*

[438] SCHU6/2/1979.

[439] DBP:1398, JASA:134 (Cant. 964). No texto: *Vel-ehí ven, vel-ehí ven po-lo turreiro, levoull'a, y-o* (JASA).

[440] SCHU6/2/1178. No texto: *rí'a, s'eu, s'andas.*

Falando das vacas cinlleiras, presta le-los versos que Crecente Vega titulou *Pingotas* (16.1.)

4178 **casco 7** *s.?* A nosa fonte defíneo como "vaca non preñada". Ver EN CASCO /4207 e ESTAR DE CASCO 1 /4209. (Couso, Estr4, Lagar., Morga., Tabor.).

4179 **artuña** *adx.* [Vaca] non preñada, baleira, disposta para o traballo. (Gud5, Gud7).

4180 **baldeira 1** *adx.* Ver BALEIRA 1 /4181. A nosa fonte escribe *valdeira*. Couce. e Baíñas definen como "vaca que deixa de dar leite". (Arc1, Baíñas, Cab., Com1, Couce., Cur., Dum., Razo, Saln., San., Toba, Ver1. ILG: 67 (C:50, PO:17)).

4181 **baleira 1** *adx.* [Vaca] que non está preñada. Na feira sempre preguntan *¿está baleira ou preñada?*. Algunhas das nosas fontes (ILG, Gud7, Ibias1, Ibias2) escriben *valeira*. (Caa., Cab., Cal., Ced., Ctel1, Cunt1, Cur., Dozón, Feás-A, Fri., Gud., Gud7, Gui., Ibias1, Ibias2, Incio, Lal1, Mel1, Melón, Mez., Mond2, Mra., Nove., Porto, Salv3, San., Sob., Vala., Vil., Vilaf., Xun., Xun2, Zolle. ILG: 69 (C:28, LU:20, OU:10, PO:10, GExt.:1)).

4182 **balera** *adx.* Ver BALEIRA 1 /4181. A nosa fonte escribe *valera*. (Fol-LE).

4183 **cinlleira 2** *adx.* Ver SILLEIRA 2 /4201. (Damil, Gui., Parga, Rábade, Razo).

4184 **enxalmada 2** *adx.* [Vaca] non preñada. (Pantón).

4185 **enxela** *adx.* Ver INXELA /4191. (Carde., Consta., Culle.).

4186 **escódega 1** *adx.* [Vaca] non preñada e sen cría. (Suarna).

4187 **escódiga 1** *adx.* Ver ESCÓDEGA 1 /4186. (Burón).

4188 **escueta** *adx.* Ver ESCÓDEGA 1 /4186. Tal como a define A. Otero podería interpretarse como "vaca sen leite". (Abadín, Alva., Meira2, Xudán).

4189 **grola** *adx.* [Vaca] non preñada. (Melias).

4190 **inxel** *adx.* Ver INXELA /4191. En Corre. e Pedro. descríbena como "vaca que deixa de dar leite". (Corre., Noal, Pedro., Santi.).

4191 **inxela** *adx.* [Vaca] non preñada. (Boi., Medín, Rendal).

4192 **machorra 4** *adx.* [Vaca] non preñada. (Gro1).

4193 **mainiña 1** *adx.* Ver MANIÑA 1 /4196. (Somo2).

4194 **manía 1** *adx.* Ver MANIÑA 1 /4196. Manuel Menéndez García non dá localización concreta a esta voz e explica que nestes casos deben entenderse como comúns, polo menos en tódalas localidades nas que fixo o seu estudo, no occidente de Asturias. (Arroxo, Barcia, Burón, Ced., MMG, Ped1, Rib-S, Suarna, Vill-O, Vixoán, Xudán1).

4195 **manía 2** *adx.* [Vaca] que aínda non manifesta a preñez e, polo tanto, non se sabe se está preñada ou non. (Ancares2).

4196 **maniña 1** *adx.* [Vaca] non preñada. Como pode observarse, adxectivos como *manía*, *maniña*, *mainiña* etc. serven para designar situacións moi diversas: vacas non preñadas, vacas estériles, vacas cun cadril afundido, con máis costelas flotantes cás normais etc. Leiras Pulpeiro (MLP) defínea como "vaca que non está preñada nin dá leite". (Abadín, Anseán, Antas3, Bar-Co., Ben., Bolo, Burela1, Caban., Carbal., Carño2, Carr-G, Cerd2, Chan., CTui, Fre., Gud., JMP, MCouso, MLP, Mondo1, Noalla, Oirán, Oirós, Peno., Ram., Sabu2, Sabu3, Sisto, Somo2, Tab1, Vala., Verdu.).

4197 **parada 3** *adx.* [Vaca] non preñada. (Cervá1, Cervá2).

4198 **pouleira 2** *adx.* [Vaca] baldeira. (JMP).

4199 **selleira 2** *adx.* Ver SILLEIRA 2 /4201. (Cab., Feás-A, Laxosa).

4200 **senlleira** *adx.* Ver SILLEIRA 2 /4201. En Arcos especifican que foi cuberta pero non quedou preñada. (Arcos, Suevos).

4201 **silleira 2** *adx.* [Vaca] non preñada. En ERG: "que no da leche". (Com1, Com4, ERG, Per., XERCG).

4202 **trasluada** *adx.* [Vaca] non preñada. (Busta.).

4203 **vacía** *adx.* [Vaca] baleira. (Lamas, PAre1).

4204 **verroeira 2** *adx.* [Vaca] non preñada. A nosa fonte escribe "berroeira". (Razo).

4205 **verruqueira** *adx.* [Vaca] non preñada. (Razo).

4206 **xenlleira** *adx.* Ver SILLEIRA 2 /4201. (Razo).

4207 **en casco** *loc. adx.* [Vaca] non preñada. (Vnova2).

4208 **estar de baluto** *loc. v.* Non estar preñada [unha vaca]. (AO2).

4209 **estar de casco 1** *loc. v.* Non estar preñada [unha vaca]. (Cunt2).

4210 **estar maniña** *loc. v.* Non estar preñada [unha vaca]. (PCal2).

3.3.3. Denominacións relacionadas coas costelas flotantes

No apartado correspondente do capítulo 5. *Anatomía* describirémo-lo número e situación das costelas. En ocasións, os bóvidos presentan un par de costelas flotantes, articuladas unicamente polo seu extremo superior ás vértebras e co extremo inferior libre, entre a musculatura ventral. Neste caso, esta costela adoita destacar das outras e resulta apreciable externamente. A súa presenza non representa problema ningún e, ó que parece, os gandeiros non o consideran tampouco cousa mala.

Dado que as denominacións *mainiña, maniña, meiniña, mermiña* e *moumiña* evocan pola súa proximidade as *costelas mamiñas,* cómpre observar que estas son as costelas normais na súa prolongación esternal e que nos bovinos novos é aínda cartilaxinosa: non deben, polo tanto, confundirse.

4211 **mainiña 4** *adx.* [Vaca] que ten máis costelas flotantes cás normais. Nalgúns lugares entenden que lle falta unha costela. (Común).
4212 **maniña 5** *adx.* Ver MAINIÑA 4 /4211. (Ctel1).
4213 **meiniña 2** *adx.* [Vaca] que ten a cartilaxe de unión máis alto ou máis baixo do normal na última costela. (Ctel1).
4214 **mermiña** *adx.* [Vaca] que ten as costelas desiguais. (LG, Pes.).
4215 **moumiña** *adx.* [Vaca] que ten unha costela flotante impar. (Ver2).
4216 **de media costela** *loc. adx.* [Vaca] que ten a última costela pequena e máis baixa. Disque é mala de manter. (Piquín).

3.3.4. Gando coa marmela grande

4217 **engorgueirado** *adx.* [Becerro] con moita carnosidade no gargueiro, ou ó que se lle estalica cando nace para que lle medre ben. (Parade.).
4218 **marmeluda** *adx.* [Vaca] que ten a marmela longa. (Común).
4219 ***abarbillada** *adx.* [Vaca] con marmela moi grande. (SComba).
4220 **ben embadanada** *loc. adx.* [Vaca] que ten abundante badana. (Piquín).

3.3.5. Gando coa marmela pequena

4221 **aganada** *adx.* [Vaca] que case non ten marmela. (Ctel1).
4222 **esganada** *adx.* [Vaca] que ten pouca marmela. A nosa fonte en San. escribe *esghanada*. (Cam2, Mel1, San., Toba).
4223 **garnela** *adx.* [Vaca] con pouca badana. (LG, Piquín).
4224 **garniela** *adx.* [Vaca] con pouca badana. (Pes.).

3.3.6. Outras características neutras

4225 **xacer** *s.m.* Carácter, condición, maneira de ser. *Aquelas vacas eran doutro jacer*. (Piquín).
4226 **apresunllada** *adx.* [Vaca] que ten un dedo de máis. (Cab.).
4227 **encornado 1** *adx.* [Animal] que ten boa ou mala encornadura. *É un boi ben encornado*. (ERG).
4228 **ferrado** *adx.* [Boi] ó que lle puxeron ferraduras. (ERG).
4229 **ghacea** *adx.* [Vaca] de ollos xaspeados. Eladio Rodríguez define *gacio* como: "adj. Garzo, de color azulado. Aplícase comunmente a los ojos de este color y a las personas que los tienen así". (Ctel1).
4230 **logreira** *adx.* [Vaca] que sae brincallona da corte. *A vaca que sai logreira da corte*. (Cea1).
4231 **nacha 4** *adx.* [Vaca] co fociño curto e gordo. (San.).
4232 **pateño 2** *adx.* [Animal] de pata curta e ancha. (ERG, Toba).
4233 **rabugán** *adx.* [Animal] rabudo, que ten o rabo longo. (LCA2).
4234 **restrebeira 3** *adx.* [Vaca] que vive fóra da corte e que se dedica só á cría. (Ced).
4235 **ruminón** *adx.* [Animal] que disque remoe moito. Ignoramos se hai animais que remoen máis que outros. (ERG).
4236 **teniota** *adx.* [Vaca] coas orellas finiñas. (LG).
4237 **vacieira** *adx.* [Vaca] que ten os *vacíos* (ver 1513) moi amplos, é dicir, con moita distancia entre o cadril e as costelas. (Cam1).
4238 **esbrinzar** *v.* Brincar [os poldros ou os cuxos] cando andan ceibos e se atopan cheos de vida. (ERG).
4239 **ser da inxección** *loc. v.* Ver SER DA *SEMILLA /4240. (PAre1).
4240 **ser da *semilla** *loc. v.* Ser [un becerro ou becerra] produto da inseminación artificial. (Gond.).
4241 **ter moitas pisas** *loc. v.* Ter máis tetos do normal [unha vaca]. (Ctel1).

A boi vello non lle mudes de corte. (UCA2:39)
A boi vello non lle mudes de cortello. (VS) [441]

[441] Comenta VS que *No es fácil desarraigar añejas costumbres. Se dice lo mismo de las personas: 'al viejo, múdale el aire y te dará el pellejo'*. Engade o seguinte equivalente castelán: *Al buey viejo, múdale el pesebre y dejará el pellejo* (Sbarbi).

A boi vello non lle mudes o cortello. (UCA:36.18; ZM:16; VS) [442]
Ao boi vello non lle mudes a corte. (VLLM:1,129) [443]
Boi goloso, nin fraco nin gordo. (ERG:boi)
O boi ben vezado traballa a carón do faco. (VLLM:1,145) [444]

[442] ZM: *de cortello*.
[443] Llópiz di que o recolle de E. Carré (*A Nosa Terra* 1908) que realmente di *A boi vello non lle mudes de corte*.
[444] Llópiz: *bezado*, *acarón*; recólleo na Estación pecuaria de Fingoio.

Capítulo 4. FISIOLOXÍA

Capítulo 4. FISIOLOXÍA

A fisioloxía estuda o funcionamento dos órganos e tecidos dos diferentes aparatos do organismo (dixestivo, respiratorio, circulatorio etc). Neste capítulo, coma en tódolos outros, non veremos tódolos aspectos desta ciencia senón só aqueles dos que recollemos algunha información procedente da gandería tradicional e que non teñan cabida noutros capítulos máis específicos. Así, veremos agora as actividades fisiolóxicas que realiza a vaca: comer, beber, defecar, bruar e moverse. No capítulo 7 describirémo-la reprodución. A alimentación, na corte ou no pasto, describirémola no capítulo 9, onde tamén falaremos da muxidura. Cando falemos de voces para estimula-lo gando (9.4.8.5.), veremos algunhas para estimula-lo gando a beber. Aquí falamos de excrementos como feito fisiolóxico pero do esterco falaremos en 9.9.4.3.

4.1. Comer

4242 **talada** *s.f.* Man de herba que colle o animal coa boca cando come. (LP).

4243 **abagar** *v.* Dixeri-los alimentos. Esta denominación fai relación ó movemento das cousas nunha pota cando están a cocer. *O gando vacún [...] 'pasce', 'remoi' ('esmoi') e 'abaga' ou fai a dixestión* (Parade.:276). (AO, ERG, Parade.).

4244 **abocañar 1** *v.* Morder [unha res] un froito. (AO).

4245 **alampar** *v.* Comer con moita ansia. Tamén, ter moita sede. (Burón, Drago., VLLM).

4246 **alanfrar** *v.* Comer con ansia. *Iste ghado non hai quen o gharde: alanfra polo outono coma se nada lle cheghara*. Aplícase tamén á xente. (Xun2).

4247 **alapar** *v.* Ver ALAMPAR /4245. (VLLM).

4248 **alapear** *v.* Ver ALAMPAR /4245. (Sob.).

4249 **alurpiar** *v.* Mirar con avidez a comida, comer con ansia. *Esa vaca non fai máis ca alurpiar polos millos*. (Xun2).

4250 **arraiar** *v.* Comer [o gado] polo monte con moita ansia. (LP2).

4251 **azalghar** *v. Ú. t. c. prnl.* Satisfacer, encher. *Non dou azalghado iste ghado; estas vacas non se azalghan nunca*. (Xun2).

4252 **chimpar** *v. fig.* Comer, enviar. *A vaca chimpou as espighas*. (Xun2).

4253 **debuar 1** *v.* Comer con avidez a forraxe [as vacas]. (Piquín).

4254 **desbubar** *v.* Ver DEBUAR 1 /4253. (Acevo).

4255 **fartar** *v.* Alimentar [o gando] no pasto. VGR dá este exemplo *Vengo de fartar los bueys*, que recolle en Acebo, Riego etc. (Gud5, VGR).

4256 **lampar 1** *v.* Ver ALAMPAR /4245. (Gro1, Ram1).

4257 **manxar** *v.* Comer. (TCha).

4258 **comer coma en ferrán** *loc. v.* Comer con moito apetito. *A vaca tiña fame, que come nas canas do millo coma en ferrán*. (Ctel1).

A cociñeira fai como a vaca que non come cos bois: ou come antes ou dispois. (VS)
A muller cociñeira, coma o boi, se non come antes come despois. (XMSM:83) [1]
A conciencia era ferraña verde e comérona as vacas. (XTC4) [2]
A vergonza era verde i comeula úa vaca. (XBG:480)
A vaca i o boi, o que non come antes cómio despois. (TCha:92) [3]
A vaca que non coma cando os bois, come antes o despois. (VS) [4]
A vaca que non come a cando os bois, ou comeu antes ou come despois. (Camb1:47; Castre.; UCA2:25) [5]
A vaca que non come cando os bois, come antes o despois. (SCD:7)
A vaca que non come cando os bois, ou come antes ou comerá despois. (Gud5:114)
A vaca que non come cando os bois, ou come antes ou despois. (XTC4) [6]
A vaca que non come cos bois, ou come antes ou come despois. (JASA2:342; JASA3:217; EAG:10; EAG2:320; VS)[7]
A vaca que non come cos bois, ou come antes ou despois. (VS) [8]
A vaca que non come cos bois, ou comeu antes ou comerá despois. (XTC4)
A vaca que non come cos bois, ou comeu antes ou come despois. (ERG:vaca; JASA:337; FBB:220) [9]
O que non come canda os bois, come antes ou despois. (VS) [10]
O que non xanta canda os bois, ou xantou antes ou xanta despois. (EGE:52) [11]
Vaca que non come canda os bois, (ou) *come antes ou despois.* (VS) [12]
Vaca que non come cos bois, ou comeu antes ou come despois. (VLLM:1,155) [13]
Máis alampa un boi dunha lambida que a ovella en todo o día. (VLLM:2,88) [14]
Máis come o boi que cen anduriñas. (ERG:comer)
Máis come un boi que cen anduriñas. (ERG:boi)
¡Queda, loba/toura! Deixa comer á outra. (VLLM:1,152) [15]
¡Queto, lobo! deixa comer ao outro. (VLLM:1,152) [16]

¡Está a vaca sin comer,
canta o galo no poleiro,
ronca o porquiño na corte.
ándache bo o pandeiro! [17]

---

1 XMSM: *senón, despóis*. Lémbrese aqueloutro de Carte.: *A muller que non come canda o home, ou xa o comeu ou aínda o come*; é dicir, ela non ha quedar sen comer.

2 Tamén de Chivite este paralelo: *A conciencia é verde e comeuna un burro*.

3 TCha: *comio*; engade na nota 390: *Estes animais queren estar comendo de cotío*.

4 VS: *nun coma cand'os bois*.

5 UCA*: come cando os bois*.

6 XTC4: *cand'os*.

7 No texto: *c'os, ántes* (JASA2); *despóis* (JASA3); *c'os bois* (EAG); *despóis* (ZM).

8 VS comenta: *Se dice de la mujer laminera, que a la hora de la comida no tiene gana,* e ofrece as seguinte equivalencias: P.: *Vaca que não come com os bois, ou comeu antes ou comerá depois. Quem não come com os bois, ou comerá antes ou comerá depois* (Chaves); E.: *La vaca que comió antes o después, no come con los bués* (Correas).

9 A verdadeira intención do refrán queda evidente neste paralelo de Taboada Chivite: *A muller que non come cando o seu marido, ou pensa comer ou xa ten comido*. Tamén: *A muller que non come cando o home, ou come antes ou despóis come* (XMSM:65), *A muller que non come co marido á mesa, algo pra si garda na artesa* (ZM:24). Saco cita esta copla de Fernán Caballero*: La mujer que no come / con su marido, / lo mejor de la olla / se lo ha comido*.

10 No texto: *cand'os bois*.

11 EGE: *xantóu, despóis*.

12 No texto: *cand'os, com'antes*.

13 Llópiz: *c'os*, *o* (sic); di que xa figura en Hernán Núñez.

14 Recólleo de E. Álvarez Giménez. *Alampar*, *alapear* ou *lampar* significan desexar vivamente unha cousa, sobre todo comida.

15 Llópiz: *louba* (que corriximos por consideralo hipercorrección do paremiólogo), *â*; explica que tal se lle di ás vacas que, estando ó xugo, comen tanto que non deixan comer ás outras.

16 Llópiz: *loubo* (que tamén corriximos); recólleo en Salvaterra en 1930.

17 XTC2:91. No texto: *bó*.


4.1.1. Ter fame

4259 **esfalcado** *adx.* [Animal] que ten a barriga baldeira. *Está esfalcado o gando, coa panza vacía*. (PAre2).
4260 **esfameado** *adx.* [Animal] famento, raquítico. (Cal., Fri.).
4261 **esfamiado** *adx.* Ver ESFAMEADO /4260. (Burón, Com1, Feás-A, Gun., Sob., Suarna).
4262 **esgaritado** *adx.* [Animal] desfalecido coa fame. *Han morrer esgaritados (o gando, coa fame)*. (Fumiñá).
4263 **ghalghado** *adx.* [Gando] que retorna do pasto cos vacíos sen encher. *O jado ven jaljado*. (Xun2).
4264 **aghoar** *v.* Ansiar, devecer pola comida. *Tes as vacas a aghoar e vanche abortar*. (Simes).
4265 **eslumir** *v.* Desexar ardentemente unha cousa, especialmente comida. *A vaca eslúmese polo outono*. Dise de animais e xente. (Xun2).
4266 **hangrear** *v.* Ter moito apetito [os animais domésticos]. (Arcos).
4267 **vir baldeira** *loc. v.* Non vir do prado ben mantida [unha vaca]. (Grixó).

Fame nas vacas, en ti a catas. (VS) [18]

Tiñas as vacas ben gordas
cando iban prá Rectoral,
agora morren de fame
enzarradas no curral. [19]

4.1.2. Remoer



Mecanismo da remoeira (http://www.mun.ca/biology/scarr/Ruminant_Digestion.htm).

A remoeira (ou actividade ruminante) é un fenómeno dixestivo característico dalgúns dos animais herbívoros, os chamados *ruminantes* (suborde *Ruminantia*) [20]. Consiste na regurxitación dunha porción de comida, o *bolo alimenticio*; seguida dunha segunda mastigación dos alimentos moito máis completa, pois nestes animais o alimento é deglutido por primeira vez case sen mastigar; e remata coa deglución do

[18] VS recólleo de Fraguas en *Vida gallega*, 1960.
[19] Coto2:100.
[20] Non tódolos animais herbívoros son ruminantes: este é o caso do cabalo.

bolo remoído. Deste xeito, os ruminantes poden inxerir unha maior cantidade de alimento en menos tempo (cousa que tiña un interese evidente cando levaban unha vida salvaxe). Pero o obxectivo máis importante da remoeira consiste en esmiuza-los alimentos e mesturalos co contido preexistente na panza, procedente de inxestas anteriores, predixeridas, e así permitir que determinados microorganismos presentes na panza actúen sobre a celulosa da parede das células vexetais, permitindo a dixestión do alimento propio destes animais. Os zumes gástricos da vaca, como acontece cos outros ruminantes, carecen de enzimas capaces por si mesmos de dixeriren a celulosa.

A remoeira, no gando vacún, comeza normalmente antes de dúas horas desde a inxestión do alimento e ordinariamente realízase en períodos de 30 a 60 minutos, cunha media de 60 golpes por minuto, en intervalos de 6 a 8 horas.

Algúns gandeiros coidan erroneamente que existen dúas rutas diferentes para as deglucións e para a regurxitación (Gro4). Realmente todo este movemento do bolo alimenticio faise sempre polo esófago (*gorxa da comida*): primeiro á panza, despois á boca e despois, de maneira sucesiva, ó barrete, cenfollas e calleiro.

4268 **esmoedor** *s.m.* Ver ESMOENTE /4269. (ERG).
4269 **esmoente** *s.m.* Ver RUMINANTE /4274. Eladio Rodríguez define exactamente como "p.a. de 'esmoer' o rumiar. Dícese de los cuadrúpedos herbívoros que mastican varias veces el alimento". (ERG).
4270 **remoedura** *s.f.* Acción e efecto de remoer. (ERG).
4271 **remoeira** *s.f.* Acción de remoer. (Gun.).
4272 **rumea** *s.f.* Acción de mastigar e insaliva-los alimentos por segunda vez un ruminante. (Ctel1).
4273 **ruminación** *s.f.* Remoeira. ERG define exactamente como: "Rumiadura, que rumia mucho" [sic]. (ERG).
4274 **ruminantes** *s.m.pl Ú. t. c. adx.* Suborde de animais mamíferos co estómago dividido en catro cavidades e que realizan unha segunda mastigación. (ERG).
4275 **bruar 2** *v.* A nosa fonte defíneo como "remoer". Neste caso, como tamén acontece cando atopamos *orniare* (en Zamáns) e *ruxir* (en Com4) co significado de remoer, cabe pensar nunha confusión dos colectores da información, pero debemos sinalar que non se trata de preguntas contiguas no cuestionario do ILG (como vimos noutras ocasións). A pregunta *remoer* é a 39, e *bradar* é a 125. (Alla2, Arzúa2).
4276 **debullar** *v.* Remoer. (VLLM).
4277 **esmoer** *v.* Remoer. (ERG, Parade.).
4278 **grotear** *v.* Remoer. (Com1, Grixoa).
4279 **machar** *v.* Remoer. *Ó boi que macha/malla non lle poñas fuciñeira* (VLLM). (Piquín, VLLM).
4280 **mallar 2** *v.* Remoer. (VLLM).
4281 **mascar** *v.* Remoer. (Enxames).
4282 **masticar** *v.* Remoer. (Arme.).
4283 **moer** *v.* Remoer. (Arme.).
4284 **orniare** *v.* A nosa fonte defíneo como "remoer". Ve-lo comentario a BRUAR 2 /4275. (Zamáns).
4285 **remear** *v.* Ver REMOER 1 /4286. (PCal2).
4286 **remoer 1** *v.* Face-la segunda mastigación do bolo alimenticio característica dos animais ruminantes. (Común. ILG:188 (C:87, LU:36, OU:20, PO:45)).
4287 **remoere** *v.* Ver REMOER 1 /4286. (Bar-Co., Borre., Fuxás, Guil2, Lendo, Ortoño, Pre., Razo).
4288 **remollar 1** *v.* Ver REMOER 1 /4286. (Ram.).
4289 **remuer** *v.* Ver REMOER 1 /4286. (Camba, Com1, Vrei.).
4290 **roer** *v.* Ver REMOER 1 /4286. (Macei.).
4291 **romear** *v.* Ver REMOER 1 /4286. (MCouso).
4292 **romeare** *v.* Ver REMOER 1 /4286. (CarbCo).
4293 **romoer** *v.* Ver REMOER 1 /4286. (Taboa.).
4294 **romoere** *v.* Ver REMOER 1 /4286. (Zamáns).
4295 **rumear** *v.* Ver REMOER 1 /4286. *Ó animal que non rumea non lle vén a comida á boca*. (Arroxo, Ctel1, Rib-S).
4296 **rumiar** *v.* Remoer. *As vacas rumiaban nas cortes o seco que lle diran, por non estar o tempo de botalas fóra* (GB2:104). (Fol-LE, GB2, JMP, Nove., Val-LE, Vill-O).
4297 **ruminar 1** *v.* Remoer. (ERG).
4298 **rumoer** *v.* Ver REMOER 1 /4286. (Cunt2).
4299 **ruxir** *v.* A nosa fonte defíneo como "remoer". Ve-lo comentario a BRUAR 2 /4275. (Com4).
4300 **remoe-la comida** *loc. v.* Mastiga-la herba por segunda vez. (Fózara, Lucí).
4301 **roer de segundas** *loc. v.* Remoer. (Baltar).

A vaca remoi i a peseta cai, ¿que prisa hai? (VS) [21]
Ao boi que remoa non lle tápe-la boca. (VLLM:1,156) [22]
Non lle ates a boca ó boi que remoi. (VS) [23]

[21] VS: *y a peseta*.
[22] Llópiz: *tapel-a*.
[23] VS comenta que o refrán é de tradición bíblica: "*Non alligabis os bovi trituranti*". *No pueden impedirse las cosas necesarias*. A cita bíblica que anota Vázquez Saco refírese a I Cor 9,9.

Non lle tápe-la boca ao boi que remoe/debulla. (VLLM:1,145) [24]
Ó boi que macha/malla, non lle poñas fuciñeira. (VLLM:1,156) [25]
Boi que remoe, nada lle doe. (VLLM:1,135) [26]
Boi roedor, boi comedor. (VS)
O que o boi remoe, o outro papo o recolle. (VLLM:1,149) [27]
Vaca remoedora, leite amorra. (VLLM:1,155) [28]

Dúas lúas na testa
e remoe, remoe na herba. [29]

4.1.3. O bolo alimenticio

4302 **balo 3** *s.m.* Ver BOLO 1 /4305. (Noalla).
4303 **bocado** *s.m.* Porción de comida que ten a vaca na boca cando remoe. (Aranga, Car2, Cervá1, Cervá2, Gud., Lago, Lendo, Lestón, Rus, Somo1).
4304 **bocao** *s.m.* Ver BOCADO /4303. (Crendes, Oroso2).
4305 **bolo 1** *s.m.* Porción de comida que regurxitan os animais ruminantes para remoela. (Bolo, Ced., Ces., Sisto, TapiaC).
4306 **bulla 2** *s.f.* Bolo alimenticio. (Caa.).
4307 **bullo** *s.m.* Bolo alimenticio. (Piquín).
4308 **comida** *s.f.* Porción de comida que ten a vaca na boca cando remoe. (Lous., Ortoño).
4309 **escomallo** *s.m.* Porción de comida que ten a vaca na boca cando remoe. O nome debe proceder da salivación que acompaña á remoeira. (Antas3).
4310 **gaspallo 1** *s.m.* Porción de comida que ten unha vaca na boca ó rumiar. (Dum.).
4311 **ghaspallo** *s.m.* Ver GASPALLO 1 /4310. A nosa fonte escribe *jaspallo*. (Dum.).
4312 **ghasteo** *s.m.* Ver GASPALLO 1 /4310. A nosa fonte escribe *jasteo*. (Vxoán).
4313 **ghasto** *s.m.* Ver GASPALLO 1 /4310. A nosa fonte escribe *jasto*. (Arca, Miñor2).
4314 **ghúmito** *s.m.* Porción de comida que ten a vaca na boca cando remoe. A nosa fonte escribe *jumito* pero nos repoñémoslle un til na antepenúltima sílaba non só por razóns etimolóxicas (*vomitum*) senón porque se trata dun informante que por sistema omite os tiles. Debemos sinalar que a ruminación dos alimentos non ten nada que ver co vómito, aínda que unha observación superficial poida facer pensar que esta actividade fisiolóxica se parece a esa actividade patolóxica que é o vómito. A metáfora pode ser axeitada pero a crenza que a sostén é errónea. (Medín).
4315 **gorgolo** *s.m.* Porción de comida que ten unha vaca na boca ó rumiar. (Ced.).
4316 **remoallo 1** *s.m.* Bolo alimenticio. (Abe., Agro., Bas., Carr-G, Com1, Corb., Couce., Couso, CReis2, Eixo, Estr4, Figue2, Gui., Oza, Pal., Sabu3, Saiar, San., Somo1, Teo, Vala., Vnova2).
4317 **remoe** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. En Alla2 non especifica se é verbo ou substantivo mentres que Ribad. escribe *o remoe*. Pero véxase tamén o comentario á voz *remoendo*. (Alla2, Ribad.).
4318 **remoela** *s.f.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Lampón).
4319 **remoendo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. Por sorprendente que pareza esta voz, que parece un xerundio dun verbo, a nosa fonte parece insistir no seu carácter de substantivo non só porque con ela responde a unha pregunta que esixe un substantivo senón porque engade o artigo masculino singular. Con todo iso, incluímos esta voz con moitas reservas, do mesmo xeito que o facemos coa voz *remoe*, coa sospeita de estarmos ante un fantasma léxico. (Anca, Baíñas, Lava.).
4320 **remoente** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Leir-A).
4321 **remoia** *s.f.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Carbal.).
4322 **remoída** *s.f.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Consta.).
4323 **remoído** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (CTui).
4324 **remoio 1** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Ben., Oirán).

---

[24] Llópiz: *tapel-a*, *remóe*. Recólleo de J. F. Losada, prof. vet., e explica que os ruminantes non poden remoer sen move-las queixadas e entreabri-la boca para respirar. A var. *debulla* é de Bande e Lobeira onde é sinónimo de *remoe*.
[25] Llópiz explica que *machar* e *mallar* significan remoer; e que *fuciñeira* é o vetillo. Recólleo de Martín Lázaro.
[26] Llópiz di que se aplica tamén á vaca, ovella e carneiro; recólleo de Javier F. Losada, prof. vet. É certo que a falta de remoeira é un síntoma que se presenta en case tódalas enfermidades deste gando.
[27] Llópiz: *remóe*; recólleo de J.M. Bergantiños en Buño.
[28] Llópiz explica que *remoedora* é que remoe moito, e que *amorra-lo leite* é encher ben o ubre co leite; recólleo de José Mª Canoura, de Santa María do Valadouro.
[29] A vaca. PM:358.

4325 **remoiro** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Com1, Com4, LG).
4326 **remol** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Gui.).
4327 **remollo 3** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Burela1, Fre., Vala., Vala1).
4328 **remoo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Ben.).
4329 **remuallo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Gaxate, Incio, Negr2, Pre., SComba, Verdu.).
4330 **romea** *s.f.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Ped1).
4331 **romeallo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Callo., CarbCo., Cast., Piquín).
4332 **romiallo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Dozón).
4333 **romoallo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Peroxa).
4334 **romuallo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Callo.).
4335 **rumallo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Valad1).
4336 **rumeallo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Rib-S).
4337 **rumia** *s.f.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Xun.).
4338 **rumiadoiro** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Laiosa).
4339 **rumiaio** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. A nosa fonte escribe *rumiayo*. (Razo).
4340 **rumiallo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Burón, Cal., Com1, Gui., LG, Suarna. ILG: 54 (C:22, OU:10, PO:20, GExt.: 2)).
4341 **rumoallo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Cubi2).
4342 **rumuallo** *s.m.* Ver REMOALLO 1 /4316. (Arzón, Pedro.).
4343 **verduallo** *s.m.* Porción de comida que ten a vaca na boca cando remoe. (Vtose.).
4344 **bocado grande** *s.comp.m.* Ver BOCADO /4303. (PSil).
4345 **bocado que grotea** *s.comp.m.* Ver BOCADO /4303. *Grotear* é remoer. (Grixoa).
4346 **comida de repouso** *s.comp.f.* Ver COMIDA /4308. (Neda).
4347 **comida do buche** *s.comp.f.* Bolo alimenticio que regurxitan os bovinos desde a panza ou *buche*. (Tab1).
4348 **comida que remoe** *s.comp.f.* Ver COMIDA /4308. (Sofán).

4.1.4. Gando farto

4349 **afartado** *adx.* [Boi] que deixou de comer ou por farto ou por inapetente. (VLLM).
4350 **afarto** *adx.* Ver AFARTADO /4349. (VLLM).
4351 **farturado** *adx.* Ver AFARTADO /4349. (VLLM).
4352 **alamararse** *v.* Fartarse [o gando]. (Maceda1).
4353 **atuarse** *v.* Ver ESTANDULLAR 1 /4355. (Parade.).
4354 **entullarse** *v.* Atuarse de comida [o gando]. *A vaca estaba entullada de comida*. (Parade.).
4355 **estandullar 1** *v.* Encherse [o gando] de herba no prado, fartarse de comer. (Parade.).
4356 **esvidrar de cheas** *loc. v.* Vir moi mantida [unha vaca], coa barriga rebentando. *As vacas viñeron esvidrando de cheas*. (Antas4).
4357 **ser coma unha urca** *loc. v.* Comer moito [un animal]. *É como unha urca*. O Urco constitúe un dos elementos máis característicos do Entroido pontevedrés, representado baixo a forma dun enorme e feroz can *capaz de tragarse de un solo mordisco veinte sacos de calderilla con la misma facilidad con que un burro se traga dos granos de cebada*, segundo a descrición que copiamos de Antón Fraguas (AFF3). Do primeiro Entroido no que participou o Urco, no ano 1876, recolle o seguinte epitalamio: *El feroz Urco aquí yace/ con más vientre que un delfín,/ el mundo se satisface/ borrando el Requiescat in/ y dejando solo el pace*. (Piquín).
4358 **vir coma urcas** *loc. v.* Vir [as vacas] cheas ou ben fartas do monte. O noso informante engade o seguinte: *Hai quen pensa que o dito ficou no lugar ou deriva da fala portuguesa, por causa dun paisano que o dicía e que era descendente de portugueses, do lugar da Moimenta, xa que non se coñece o significado de 'urca', cando se compara coa vaca que vén farta do monte*. (Hermi.).
4359 **vir como unha urca** *loc. v.* Volver [unha vaca] farta á corte despois de pacer canto quixo. Ver tamén o comentario a SER COMA UNHA URCA /4357. (Ctel4).
4360 **vir chea** *loc. v.* Vir ben mantida [unha vaca] que vén de pacer, vir farta. (Antas2).
4361 **vir cheas como baleas** *loc. v.* Volver fartas á corte [as vacas] despois de pacer canto quixeron. *Veñen como baleas, de cheas, as vacas*. (Piquín).

A vaca farta anda esparsa. (VLLM:1,132) [30]
A vaquiña fartiña anda paseniña. (VLLM:1,132) [31]
O boi farto anda esparso. (VLLM:1,146)

30 Llópiz considérao variante de *A vaquiña fartiña anda paseniña* e di que cadra co cast. *El buey harto anda despacio*.
31 Llópiz recólleo en Goután (Varea, Ourense).

O boi farto, paseniño deixa/sal do prado. (VLLM:1,145) [32]
O boi farto vai paseniño. (VLLM:1,146) [33]
A vaca farta, do rabo fai a cama. (ERG:vaca)
A vaca farta, do seu rabo fai bragada. (VLLM:1,132) [34]
A vaca farta, do seu rabo fai cama. (VLLM:1,132) [35]
Á vaca farta, o rabo élle abrigado. (Par2) [36]
O boi afartado fai cama do rabo. (VLLM:1,145) [37]
A vaca que se deita na herba, ou está chea ou enferma. (VS)
Abril frío e mollado, enche o arqueiro e mantén o gando. (GG1:157; XTC4) [38]
Abril frío e mollado, enche o celeiro e farta o gado. (ERG:abril; GEG:abril; UCA:36.14; ZM:31, ZM:265; DRAG; PdM:5; XFV:39; NevesC; UCA2:22; VS) [39]
Abril frío, pan e viño; abril frío e mollado, enche o celeiro e farta o gado. (XTC4) [40]
Abril quente e mollado, carga o carro e enche o gado. (UCA:36.15; UCA2:26; EAG:33; GG1:157; DRAG) [41]
Abril quente e mollado carga o carro i enche o gando. (XLF3:59; VS) [42]
Abril quente e mollado, carga o carro e enche o gado; abril frioleiro e enxoito, nin pra min nin pra outro. (VS) [43]
Abril quente e mollado, carga o carro i engorda o gando. (ERG:abril; XTC4) [44]
No abril mollado, engorda o porco e medra o gado. (Parade.:303)
O abril, frío e mollado, aula [sic] *o celeiro e farta o gado.* (VS) [45]
Maio pedrado destroi a froita e non farta o gado. (VS)
Boi farto non é comedor. (ERG:boi) [46]
O boi afartado non proba bocado. (VLLM:1,146) [47]
Bois que non queren herba, bótaos ó rego, mozo, que si teñen see, que beban. (VLLM:1,157) [48]
O boi afartado non pasa o valado. (VLLM:1,145) [49]
O boi afarto, déitase no prado. (VLLM:1,145) [50]
O boi farto déitase no prado e fai cama do rabo. (VLLM:1,145) [51]
Pouco gado e ben farturado. (VLLM:2,94)

---

[32] Llópiz di que o recolle do refraneiro *Ultreya* de A. das Casas, pero na edición que nos manexamos non figura tal refrán. Tampouco o encontramos na revista *Ultreya* (onde hai refráns recollidos por Álvarez Giménez).

[33] Llópiz recólleo en Goután, Varea (Ourense).

[34] Llópiz explica que a vaca, cando está farta, recolle o rabo entre as coxas e déitase a descansar. Cita tamén o cast. *Vaca harta con su rabo hace cama*.

[35] Llópiz di que o recolleu no Páramo (Sarria).

[36] A un refrán castelán semellante (*Á la vaca harta la cola le es abrigada*) engádelle a E. Espasa esta explicación: *Rf. que indica que al que ha comido con abundancia nada le suele embarazar para dormir bien.* ERG ten outro paralelo: *A ovella farta do rabo fai a manta*.

[37] Llópiz recólleo de Martín Calado (*Fungueirazos*).

[38] XCT4: *henche, arquiro, gado*.

[39] No texto: *gado* (ZM:31), *gando* (ZM:265); *ao gado* (PdM); *gando* (NevesC); *frio* (UCA2); *henche* (VS). VS ofrece estas equivalencias: P.*: Abril frio e mollado, enche o celeiro e farta o gado* (Chaves); E.: *Abril frío, hinche el silo, y mojado, silo y campo* (Correas), *Abril mojado, panes trae en el saco* (R. Marín), *Abril frío y mojado, hinche el granero y harta el ganado* (R. Marín); C.: *Fred en abril, no faltará pa ni vi* (Sanchis).

[40] *Abril frio pao é vinho abril frio é molhado enche o celeiro e farta o gado* (XTC4).

[41] No texto: *gando, henche* (EAG); *gando* (GG1). Este refrán e o seguinte parecen contraditorios cos anteriores, que falan de abril *frío*, non de abril *quente*.

[42] VS no ms.: *y henche*.

[43] No texto: *i-enche, i-enxoito*.

[44] ERG: *gando*; XTC4: *gado*. Taboada Chivite recólleo do calendario *O mintireiro verdadeiro* 1969.

[45] Este refrán, relativamente frecuente, remata en *enche o celeiro e farta o gado*. Supoñemos que '*aula'* é un erro do autor do manuscrito, que máis dunha vez presenta grafías difíciles de ler.

[46] A vida regalada chega a producir fastío e repugnancia. Hai tamén o refrán *O cabalo farto non é comedor* (ERG).

[47] Llópiz explica que neste caso *afartado* ou *farturado* significan animal que perdeu o apetito e que nin come no prado nin na corte.

[48] Llópiz: *see* (sic); recólleo na Fonsagrada.

[49] Llópiz: *balado*.

[50] Llópiz recólleo de Mosquera Leal (*Refranes,* Ferrol 1926).

[51] Llópiz recólleo de Martín Calado (*Fungueirazos*).

Pouco gado, pero farto. (VLLM:2,94) [52]

Entre valado e valado
hai un boi ben fartado. [53]

Entre valado e valado
hai un boi estoupando de cheo. [54]

4.2. Beber

Bois que non queren herba, bótaos ó rego, mozo, que si teñen see, que beban. (VLLM:1,157) [55]
En maio bebe o boi detrás do arado, e se non bebe, malo. (Camb1:54; Castre.; NevesC) [56]
En maio inda bebe o boi no prado. (ERG:maio; GEG:maio; ANV2:17; JASA:342; JASA3:221; UCA:36.15; UCA2:35; VLLM:1,141; ZM:96; EAG:43; AdC:13; PdM:11, PdM:30; VS; XFV:38; XTC4; ZM:267) [57]
En maio inda o boi bebe no prado. (UCA:36.15; NevesC) [58]
En maio inda o boi bebe no prado, mais si ben non o empeza, inda ben non o acaba. (VS4) [59]
En maio, que beba o boi no prado, e si non mal lle vai ó ano. (Gro1) [60]
No maio bebe o boi no prado, e se non bebe, malo. (Camb1:54; Castre.)
Polo maio beben os bois no agro. (FBB8)
Malo o maio que non bebe o boi no prado. (VS)
Non hai que facer beber o boi á forza. (Rianxo1)
O boi empallado bebe no prado. (Camb1:47; Castre.; VG140588)
Ó boi que bebe, non fai falta "¡ao quichú!". (VLLM:1,129) [61]
O boi que non quere beber auga, o demo lla faga beber. (VS)
O boi que non queira beber a auga, o demo que lla faga beber. (VS)

Costureiriña bonita,
lévame os bois a beber,
lévamos pasiño a paso,
non mos botes a perder. [62]

Costureiriña bonita,
lévame os bois a beber;
pola nai que te pareu,
volverasmos a traer. [63]

Costureira melindrosa,
lévame os bois a beber;
irás, virás á fontiña,
volverasmos a traer. [64]

Costureiriña bonita,
lévame os bois a beber;
irás, virás á fontiña,
pola nai que te pariu. [65]

Manoel, Manoeliño,
Manoel, cara de rosa,
lévame o gando a beber
á fonte da Ramallosa. [66]

---

[52] Llópiz recólleo en San Xulián de Facha, onda Monterroso.
[53] A masa na artesa. PM:409.219.
[54] A masa na artesa. PM:409.219.
[55] Llópiz: *see* (sic); recólleo na Fonsagrada.
[56] NevesC: *senón*.
[57] No texto: *mayo* (ANV2, JASA, UCA, UCA2 e PdM); *n-o* (JASA); *mayo, n'o prado* (EAG); *ainda* (AdC, VS); *Mayo, n-o prado* (JASA2).
[58] UCA: *mayo*.
[59] VS4 di que o recolle entre A Estrada e a Ponte Ulla. No texto: *non-o*.
[60] *Léxico de O Grove*, s.v. maio. No texto: *bai*.
[61] Recólleo do *Falar dos Vaqueiros d'Alzada* e explica que *¡Ao quichú!* é frase empregada polos Vaqueiros para anima-lo gando.
[62] Morei:395.
[63] MRV:50, pero na páx. 26 escribe *me pareu.* SCHU1/2/271a; no texto: *lévam'os, parío, traere* (pero antes, *beber*).
[64] ACV1:52.
[65] ACV1:52 (variante).
[66] Tea:45. No texto: *Manoel* (na primeira estrofa), *Manuel* (na segunda); *â fonte*. Sabemos de dúas parroquias co nome de Ramallosa, unha en Nigrán e outra en Baiona; e tres lugares co mesmo nome (un en cada unha destas parroquias e outro en Lucí-Teo, A Coruña). Ningunha destas localizacións se atopa nas ribeiras do Tea pero ben pode tratarse dun microtopónimo desta zona, sen excluír que sexa unha cantiga importada.

Manoel, meu Manoeliño,
Manoel, cara de rosa,
lévame os bois a beber
á fonte da Ramallosa. [67]

Mariquiña, Mariquiña,
lévame os bois a beber,
lévamos pouquiño e pouco,
volverasmos a traer. [68]

4.3. Os excrementos

4.3.1. Mexar

A excreción de urina cumpre na regulación do metabolismo as siguientes funcións: excreción de substancias estrañas ó organismo e produtos resultantes do metabolismo, regulación do contido hídrico e salino do organismo mediante a eliminación de máis ou menos auga ou sales, e o mantemento do nivel isotónico do sangue.

A cantidade de urina excretada diariamente varía considerablemente en función da inxestión de auga e de alimento, da temperatura e humidade ambiental, de factores nerviosos ou hormonais etc. Calcúlase que o gando vacún excreta de 6 a 20 litros diarios, en condicións normais (EK:620). A cor característica da urina débese tanto á presenza de substancias consumidas cos alimentos como de substancias procedentes do metabolismo das proteínas e da degradación da hemoglobina.

4362 **mexa 2** *s.f.* Ouriños. (Gui.).
4363 **mexada** *s.f.* Acción de urinar e tamén cantidade de ouriños que se expulsa dunha vez. (Común).
4364 **mexadura** *s.f.* Acción e efecto de mexar. (ERG).
4365 **mexe** *s.m.* Ouriños. Piquín e TCha. usan máis o pl. *mexes* (Piquín escribe *mejes*). (Burón, Ced., Piquín, Suarna, TCha).
4366 **mexo** *s.m. Ú. t. en pl.* Ouriños. ERG, IBA, LCA1 e MVN lematízano en pl. (Común).
4367 **ouriños** *s.m.pl.* Urina, mexo. (Piquín).
4368 **esmexacar** *v.* Mexar con esforzo. Dise especialmente das vacas. (Piquín).
4369 **esmexacarse** *v.* Mexarse [o gado] co medo e cando no verán o persegue a mosca raxada. (Parade.).
4370 **mexar** *v.* Acción de excreta-los ouriños. (Común).
4371 **mixar** *v.* Ver MEXAR /4370. (San.).

Auga fría non ergue vexiga. (VLLM:2,452) [69]
Becerro galano, que mexa deitado. (MLP4)
Cando o boi queira mexar, para o traballo e dálle vagar. (VLLM:1,137) [70]
Deixa mexar ós bois que teñen comesto beldros. (VLLM:1,*139)* [71]
Deixa que mexe o boi que dos berros alapou. (VLLM:1,139) [72]
Deixa o boi mexar e fártao de arar. (ERG:boi)
Ó boi déixalle mexar e fartarase de arar. (VLLM:1,128) [73]
Ó boi deixalo mexar e fartalo de arar. (ERG:boi) [74]
Para o carro e mexaranche os bois. (ERG:carro; XLF3:62; VS) [75]
Vaca mexada, vaca preñada. (Gro5; TCha:95) [76]

---

67 VLQ2:338. No texto: *a fonte*.
68 SCHU1/2/271b. No texto: *lévam'os bois, pouquiñ'e pouco*.
69 Llópiz: *bexiga*; di que é refrán de medicina e de veterinaria e recólleo do prof. Marcellán.
70 Llópiz: *quera*; di que é da fala de Cadones (sic) en Bande.
71 Llópiz identifica o beldro co *Nasturtium officinale*, di *también llamado 'berro de las fuentes', planta diurética por excelencia*. Efectivamente, o seu efecto diurético parece comprobado, como tamén a súa eficacia como expectorante, depurativo e antiescorbútico; mesmo parece usarse contra as lombrigas, se ben esta propiedade é menos verosímil.
72 Llópiz recólleo de Marcellán.
73 Llópiz: *Ao*; di que o recolle de Saco y Arce. Cita outro semellante de *La correspondencia gall.* de Pontevedra pero co pronome mal colocado (*se fartará*).
74 Na E. Espasa dáse para o equivalente refrán castelán un segundo uso metafórico*: hay que conceder el descanso necesario a quien hace algún trabajo para que no sucumba al peso de este*.
75 No texto: *carro, e mexaránche* (ERG); *Pára, mexaránche* (XLF3). Explica Xaquín Lorenzo que *el hombre prudente da descanso a su ganado para que el trabajo rinda más.* Saco dá o equivalente castelán: *Para el carro, y mearán los bueyes* (Hernán Núñez).
76 Ver explicación a *Vaca cagada, vaca preñada*, no capítulo de *Reprodución* (7.4.).

Unha corte de vacas marelas,
cando mexa unha, mexan todas elas. [77]

Unha corte de vacas tolas,
cando mexa unha, mexan todas. [78]

Unha grea de vacas roxas,
mexa unha e mexan todas. [79]

4.3.2. Bostear

Ó remata-lo tránsito polo intestino, os residuos alimenticios non dixeribles ou non dixeridos e substancias excretadas acumúlanse na parte distal do colon e constitúen os excrementos ou feces, que se expulsan mediante a defecación. Estímase que, no caso do gando vacún, a eliminación dos restos alimenticios comeza ás 24 horas da inxestión do alimento, alcanza o 80% ó cabo de 4 días e remata, cos últimos restos, ós 12-13 días (EK:387).

Do colon, as feces van pasando ó recto e é a sensación de repleción deste tramo intestinal a que orixina a sensación de necesidade de defecar, o que se produce mediante a contracción das paredes do colon e a apertura dos esfínteres. Noutras especies intervén tamén a presión exercida pola musculatura ventral pero isto case non ten trascendencia nos bovinos.

A frecuencia da defecación está en función, en primeiro lugar, da dixestibilidade dos alimentos, que determina o volume das feces que se formen. Unha vaca defeca normalmente de 10 a 24 veces diarias (EK:387). A cantidade depende, sobre todo, da cantidade de alimento inxerido e da súa riqueza en celulosa (fibra non dixerible) e oscila entre os 15 e os 35 kg diarios (EK:377).

O excremento da vaca é un subproduto de importante utilidade no traballo agrícola. Naturalmente, o principal uso é o de fertiliza-las terras, ata o punto de que, como veremos, os refráns din *Esterca e non poñas marcos*; *O esterco non é santo pero fai milagres* etc. porque unha terra enriquecida con esterco diferénciase visiblemente das estremeiras que non o recibiron. Existe tamén un segundo uso, como morteiro para *plastificar* a eira, para pecha-la boca do forno, para impermeabiliza-lo trobo das abellas e similares. Coñécese tamén o uso terapéutico da bosta en queimaduras ou contra a tiña.

Da bosta como subproduto útil falaremos no capítulo 9 dedicado ó *Gando e o gandeiro*, no apartado do *esterco* (9.9.4.3.), e do uso supostamento terapéutico falaremos no capítulo 8. *Patoloxía* no apartado *Os produtos da vaca na terapéutica popular* (8.10.) [80].

4372 **arguieiro** *s.m.* Bosta. Pero véxase a definición que dá Eladio Rodríguez da voz *argueiro*, a todas luces similar: "Estiércol de los cuadrúpedos, menos el del ganado vacuno. En algunas partes es solamente el excremento del ganado lanar". (Laxe).

4373 **baratana** *s.f.* Excremento brando das vacas, como consecuencia de comer moito pasto verde. (AO2).

4374 **barnada** *s.f.* Bosta. (Mra.).

4375 **bastoeira** *s.f.* Ver BOSTA 1 /4380. (Piñe.).

4376 **boga** *s.f.* Bosta. (CP, ERG, VFrore.).

4377 **boleira** *s.f.* Excremento animal. (CP, Cre., CVer., Incio, Meira2).

4378 **boliga** *s.f.* Bosta. (Incio1).

4379 **boñiga** *s.f.* Bosta. (Ancares).

4380 **bosta 1** *s.f.* Excremento [dos bóvidos]. Luís Giadás explica que *bosta*, *bostarega*, *bustela* (sinónimos de bosta), *bostal* (curral de bois), *busto* e *bustelo* (pacedoiros de bois) veñen precisamente de *boi* e *estábulo*. (Común. ILG: 197 (C:94, LU:31, OU:21, PO:51)).

4381 **bostal 1** *s.m.* Ver BOSTA 1 /4380. (CP).

4382 **bostarega** *s.f.* Ver BOSTA 1 /4380. (Gud., Gud5, LG).

4383 **bosteira 1** *s.f.* Ver BOSTA 1 /4380. (Cal., Com1, CP, Ctel1, Pentes1, Somo1).

4384 **bostela** *s.f.* Bosteira de pequeno tamaño. (ERG, XLFG).

4385 **bostia** *s.f.* Ver BOSTA 1 /4380. (Fara.).

4386 **bostón** *s.m.* Bosteira de gran tamaño. En Parade.

77 As tellas. PM:263.

78 As tellas. PM:263.141.

79 As tellas. PM:263.141.

80 No 2007 o Club de fútbol de Amoeiro creou un sistema de financiamento anual consistente nun sorteo no que se divide o campo de fútbol en 600 parcelas. A xente poxa polas parcelas e, segundo onde defequen as primeiras vacas, así se reparten os premios. Nos casos dubidosos a decisión tómase por GPS.

aplícano tamén á xente. (CP, ERG, MLP, Parade.).

4387 **bostra** *s.f.* Bosta. (CP, DRAG, VFrore.).

4388 **bula 1** *s.f.* Excremento animal. (Ben., Ced., Cere., CP, ERG, Ibias1, Incio, MLP, Ped1).

4389 **buleira 1** *s.f.* Excremento animal. Lémbrese que *bular* significa defeca-lo gando. Ibias defíneo como "Deposición de bula [=boñiga]". (Abadín, Arroxo, Burón, Ced., CP, Cubi2, Ibias1, Incio, LG, Ped1, Piquín, Rib-S, Suarna, Xudán1).

4390 **buleirada** *s.f.* Conxunto de buleiras ou bosteiras. (Piquín).

4391 **buloira** *s.f.* Excremento animal. (Cal.).

4392 **bulla 1** *s.f.* Bosta. (Vill-O).

4393 **buñica** *s.f.* Bosta. (Ancares2).

4394 **buñiga** *s.f.* Bosta. (Ancares).

4395 **bustela** *s.f.* Ver BOSTA 1 /4380. (LG).

4396 **caghada** *s.f.* Bosta. A nosa fonte escribe *cajada*. (Estr3, Vi-Val).

4397 **cirolo** *s.m.* Excremento. (Piquín).

4398 **esterco 2** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "bosta". (Damil).

4399 **gasto** *s.m.* Bosta. Os vocabularios e dicionarios consultados dano como excremento de can, lobo, raposa etc, pero temos en Palas *gastear* co significado de "defeca-lo gando vacún", e tamén en Crespo Pozo: "excrementar el ganado". Caso á parte, polo contraditorio, é a información que recollemos de Eladio Rodríguez, para quen *gastear* é "excrementar, excretar, expeler el excremento o *gasto*, dicho de los animales y especialmente del ganado vacuno y de las caballerías". Pero á vez, *gasto* é "excremento de perro, lobo, zorro y algún otro animal parecido. Aplícase también al del ganado vacuno y al de las caballerías, aunque el del primero se llama comunmente *bosta*". No *Glosario de voces galegas de hoxe* só se recolle como excremento do can (Com1), e Martín Sarmiento, que o define como bosta ou esterco de boi etc., escribe no *Coloquio en 1200 coplas galegas* a seguinte: *Vai coller o gasto/ cun sacho e cun cesto,/ o gasto das bestas,/ dos homes e cerdos* (FMS5:1120). (ERG, FMS, FMS5, Palas1).

4400 **limaxe** *s.f.* Secreción limosa que expulsan as vacas polo curso como consecuencia de problemas dixestivos. (Ctel1).

4401 **merda** *s.f.* Bosta. (Alla2, Consta., Taboa., Vtose).

4402 **moñica** *s.f.* Bosta. (Ancares2, VGR).

4403 **moñiga** *s.f.* Bosta. (Ancares, Ancares2).

4404 **muñica** *s.f.* Bosta. (Fol-LE, Ibias2, Oroso2, VGR).

4405 **murico** *s.f.* Montón de bosta, de leña ou cousas similares. Noutros lugares de Galicia rexístrase *morico* e *moreca* / *moreco* co significado de morea, montón e en Maceda especifícase de excremento humano. (Dozón2).

4406 **parameira** *s.f.* Bosta. (Cab.).

4407 **plastemada** *s.f.* Bosteira. *Máis patelo que plastemada de vaca*. *Patelo* é chato, plano, non convexo. (VLLM).

4408 **vasura** *s.f. euf.* Bosta. (Ctel1).

4409 **bostear 1** *v.* Defecar [un bovino]. (PAre1).

4410 **bular** *v.* Defecar [a vaca]. En Piquín matizan "defecar con rapidez unha vaca". (Ced., LG, Piquín).

4411 **cirlar 1** *v.* Defecar [os animais]. (Piquín).

4412 **debuar 2** *v.* Excretar [o gando]. *Aínda debuóu algo*. (Acevo).

4413 **ensuciar** *v. euf.* Defecar. (Gro4).

4414 **esbular** *v.* Ver BULAR /4410. (Barcia, LG).

4415 **esforricar** *v.* Defecar. (VLLM).

4416 **esgular** *v.* Defecar [o gando vacún]. (Piquín).

4417 **gastear** *v.* Defecar [o gando vacún]. Temos *gastear* co significado específico de "defeca-lo gando vacún" en Palas, e tamén en Crespo Pozo: "excrementar el ganado", pero véxase GASTO /4399. (CP, ERG, Palas1).

4418 **zudrar** *v.* Defecar [na corte]. (VLLM4).

Ao solpor esforrica/cágase o boi na teiró. (VLLM:1,130) [81]

Caga máis un boi que cen anduriñas. (ERG:anduriña; XLF2:24; VS) [82]

Caga máis un boi que cen gorrións. (ZM:50)

Caga máis un boi que unha anduriña. (Camb1:47; Castre.; VG140588)

Máis caga un boi que cen anduriñas. (ERG:boi/cagar; JASA:315; Morei:370) [83]

Camiño en costa non ten bosta. (XTC4) [84]

---

[81] Llópiz recólleo de Pérez Seoane, de Ribas de Sil (*Nós*). Explica que *teiró*, *ateiró*, *tieira* e *ateiroa* é a tixeira do arado, peza que une a rella coa rabela; e engade tamén que o refrán alude a que ó solpor a xugada vai tan cansa que tira pouco polo arado e que este queda entre as dúas reses de xeito que a *teiró* bate nas ancas dos dous animais.

[82] No ms: C... *máis*, por eufemismo; *golondrinas*. Saco comenta que *Más influye un amigo poderoso, que muchos sin influencia; y también más vale un gran negocio que muchos pequeños,* e engade as seguintes equivalencias: E.: *Más caga un buey que cien golondrinas* (Sbarbi); C.: *Més caga un bou que sent oronelles* (Alberola).

[83] JASA: *Mais*, *ca cen*. Comenta a E. Espasa que máis ruído mete un inimigo poderoso que varios sen poder. Máis rende un único negocio grande que moitos pequenos. Claro que tampouco é malo o consello contrario: *nunca poñas tódolos ovos na mesma cesta.*

[84] No texto: *tén*.

En Maniños a bosta polos camiños. (ZM:96)
Facer coma a vaca e cubrir coma a gata. (Par2) [85]
Nun leiro estreito, se unha vaca se pon atravesada, ten que cagar fóra do eido. (Carb-L:202; VS) [86]
Vaca cagada, vaca preñada. (RCI:141; VS) [87]
Val máis a cagada dunha vaca que a de cen golondrinas. (Riba1:210) [88]
Vale máis unha cagada de vaca que cen de anduriña. (XTC4) [89]

Antonio Pedro
cagallón de becerro
crista de galo
cirolas de cabalo. [90]

Un vello foi a Coruña,
quixo montar no trenvía,
leva bosta nos zocos,
e caeu deitado na vía. [91]

Sarmiento nas 1200 coplas que compuxo inseriu algo que se relaciona con este tema:

Vai mungir a vaca,
pór bosta nos tetos,
porque non coteñe
nen mame o tenreiro. [92]

-¿Por qué as vacas fan as deposicións tan grandes e sempre iguales?
- Porque comen moito e o que comen pásano polo libro. [93]

A voda de San Zarapico [94]

Un galo mui galano, indo prá voda [95] de San Zarapico, atopou unha bosta de vaca [96] e no medio dela [97] un grau de millo.

Comeo o grau, pro coma se luxou o pico, dixo:

-Ai herba, límpame o pico [98]*, que vou prá* [99] *festa de San Zarapico.*

A herba contestou [100]:

-Límpao tu [101].

Sigueu [102] camiñando, i ó ver [103] unha vaca, díxolle:

-Ai, vaca, come a herba, que non quixo limparme o pico, que vou prá festa de San Zarapico [104].

---

85 Ironiza o intento de disimula-las faltas grandes aludindo ó costume dos gatos de oculta-los seus excrementos. Considerámolo refrán e non locución porque se pode percibir no texto un certo matiz imperativo, que o converte nun consello; se se puidese varia-lo tempo ou persoa dos verbos, sería unha locución. UCA2 dá un refrán (*O corpo, da vaca, e ovos, da gata*) que antes del non atopamos en ningún outro paremiólogo e que posteriormente reproducen VS e ZM sen explicalo: *O corpo da vaca, e ovos da gata.* (VS), *O corpo da vaca cos ovos da gata.* (ZM:165). Non sabemos qué pode significar, como non sexa *ollos* por *ovos*, aludindo a fineza da vista da gata ou que aluda á ave de rapina chamada *gatafornela* (*Circus cyaenus*).

86 VS: *s'unha vaca*. Comenta Saco que *Algo dice a favor de la concentración parcelaria*.

87 Ver explicación ó mesmo refrán no capítulo de *Reprodución* (7.4.).

88 Riba1: *mais, d'unha*.

89 XTC4: *mais.* Variantes: *Máis vale unha de varón ca cento de gorrión* (XMSH:43), *Máis val unha asnal que cento de pardal* (ZM:132).

90 RCI:159.

91 Sob3.

92 FMS5:153,1118. No texto: *Vay mungir a baca* / *por bosta.*

93 MV2000:49.

94 Mondo4:155-156. No texto: *A boda*.

95 No texto: *pr'a boda*.

96 No texto: *atopóu unha bôsta de vaca*.

97 No texto: *n-o medio d'ela*.

98 No texto: *límpam'o*.

99 No texto: *pr'a*.

100 No texto: *contestóu*. Tamén no resto do texto.

101 No texto: *tú*. Tamén no resto do texto: *Cómea tu*, *Pégalle tu*, *Quéimao tu*, *Mátao tu*.

102 No texto: *Siguen*.

103 No texto: *y-o ver*.

104 No texto: *com'a herba, limparm'o, pr'a festa*.

A vaca contestou:

-*Cómea tu.*

Sigueu andando, atopou [105] un pau e díxolle:

-*Ai, pau, pégalle á vaca, que non quixo limparme o pico, que vou prá voda de San Zarapico* [106].

O pau contestou:

-*Pégalle tu.*

Sigueu adiante, atopou ó lume [107] e díxolle:

-*Ai, lume, queima o pau, que non lle quixo pegar á vaca, que non quixo comer a herba, que non quixo limparme o pico, que vou prá voda de San Zarapico* [108].

O lume contestou:

-*Quéimao tu.*

Sigueu camiñando, atopou a i-auga [109] e díxolle:

-*Ai, auga, mata o lume, que non quixo queimar o pau, que non lle quixo pegar á vaca, que non quixo comer a herba, que non quixo limparme o pico, que vou prá voda de San Zarapico* [110].

A i-auga contestou [111]:

-*Mátao tu.*

Sigueu [112] adiante.

-*Pro, ¿de que falábamos?* [113]

-*Do burro* [114].

-*Pois chúchao no c…*[115]*, e salúdao.*

O boticario, o parvo e as moscas [116]

Un home que tiñan por medio aparvado entrou unha vez na botica e díxolle ao boticario:

-*¡Ai, señor! ¡Moitas moscas ten aquí!*

-*Pois mira* –díxolle o boticario-, *por cada mosca que mates douche un peso.*

O home puxo de testemuñas á xente que había na botica e púxose a matar moscas xuntando vinte ou vintecinco.

O boticario ía mirando unha por unha, e íballe dicindo según as separaba:

-*Esta é mosco.*

Separaba outra e dicía igual:

-*Esta é mosco.*

E así todas. Ningunha era mosca, todos eran "moscos". Claro, non lle deron ningún peso e fixéronlle a risa.

Pero aquel paisano tiña colmeas, e tódolos anos mandáballe a proba do mel ao boticario. Así que lle chegou a hora de mandarlle o mel, foi ás cortes e colleu un pouco de bosta das vacas e mesturouno co mel que lle ía mandar ao boticario.

Pasou un tempo e un día que foi o home pola botica, preguntoulle ao boticario se lle gustara o mel.

O boticario contestoulle:

---

[105] No texto: *atopóu*. Máis adiante volve utilizar dúas veces este mesmo verbo, pero sen acentuar: *atopou*.

[106] No texto: *limparm'o, pr'a boda*. Bótase en falta *que non quixo comer a herba...*

[107] No texto: *ô lume*.

[108] No texto: *queim'o, â vaca, hêrba, limparm'o, pr'a boda*. Esta é a única ocasión en que emprega as formas *â vaca* e *hêrba*.

[109] No texto: *y-auga*.

[110] No texto: *limparm'o, pr'a boda*.

[111] No texto: *A y-auga contestóu*.

[112] No texto: *Sigue*.

[113] No texto: *qué*.

[114] No texto: *D'o*.

[115] No texto: *chuch'o n-o c...*

[116] HH-MB:127-128.

-Home, esta vez non estaba nada bo. Mesmo parece que sabía a merda, con perdón.

-E mais a tiña –díxolle o medio parvo-. *Pero mire, señor: o que lle sabe separar as moscas dos moscos, ¡que separe a merda do mel!*

O pobre dálle unha lección ó rico [117]

Contábame meu pai que había un home en Noia moi rico. E un domingo de feira doulle por levar á feira un par de bois que eran a admiración da xente. Polo camiño encontrou a un probe moi coñecido del e díxolle:

-¿E que fas aí, Manuel?

-Pois xa ves —dixo Manuel— *esperando a que alguien me dea algho para ir vivindo.*

E mirando para os bois, dixo:

-¡O que daría eu por ter un par de bois como eses!

Mentras falaban, os bois cagaron cada un a súa bosteira; e entón dille Xosé a Manuel, o dono dos bois:

-Pois si lle come-la bosta, son os bois teus.

-¿Palabra de home, Xosé? —dixo Manuel.

-Palabra de home, Manuel.

Agachouse o probe Manuel e púxose a come-la bosta. Tan pronto veu Xosé que a comía en menos de nada, empezou a darlle voltas á boina e a sudar.

Entón díxolle Manuel:

-¿Que tes? ¿Que che pasa?

-Nada, nada —contesta Xosé.

Pero Manuel, conocedor do mundo, díxolle:

-Non hai nada perdido. Comes ti a outra bosteira e os bois volven a ser teus.

-¿Palabra de home, Manuel? —dixo Xosé.

-Palabra de home, Xosé. —dixo Manuel.

Agachouse Xosé e púxose a come-la bosta.

E entón dixo Manuel:

-¡Hai que ver canta merda comemos para non gañar nada!

4.3.3. Bosta no pelo da vaca



Cazcarras no rabo da vaca.

[117] CNC:264-265. Recollido en Noia, de Renato Pestonit Brenlla, de 65 anos de idade en 1997.

4419 **almendrilla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Bidu., Buga-A, Calo, Cer., Com1).
4420 **argabazo** *s.m.* Bólas de bosta pegadas ó pelo das coxas das vacas e das ovellas. (VLLM).
4421 **badalloca** *s.f. Ú. m. en pl.* Cazcarra de bosta que se lle pega ó pelo das vacas. En plural recólleno Codeso. e Pedro. (Codeso., Hermi., Pedro.).
4422 **bloque** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Sisán).
4423 **bóla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Concreción de bosta pegada ó pelo da vaca. (Boi., Vviño.).
4424 **bosta 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Concreción de excremento pegada ó pelo da vaca. (Aranga, Buga-N, Burgo, Caban., Ces., Cur., Dúas, Lous., Ortoño, Pade., Randu., Ribad., Vtose.).
4425 **bosteada** *s.f.* Conxunto de bólas de bosta pegadas no pelo. Sende. utilízao en pl. (Nive., Sende.).
4426 **bosteira 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. Úsase tamén en singular colectivo. (Casal., Gaxate, Mosen., PCal2, Poulo, Sabu3, Vxoán).
4427 **bostiada** *s.f.* Conxunto de bólas de bosta pegadas no pelo. (MCouso).
4428 **bula 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. Notable arcaísmo que conserva a *bulla* latina de onde a moderna *bóla*. (Oirán).
4429 **buleira 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Ced.).
4430 **cabraña** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Corb.).
4431 **cacheira 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Miñor2, Pal., Ribe2).
4432 **cachela 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Teo).
4433 **cadrela** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Piñor).
4434 **cadrelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Somo2).
4435 **cagalleta** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Sisto).
4436 **cagarato** *s.m.* Guedella sucia de bosta na parte traseira do gando vacún. (Piquín).
4437 **caghalla** *s.f.* Bóla de bosta pegadas ó pelo da vaca. A nosa fonte escribe *cajalla*. (Car2, Macei.).
4438 **caghalleta** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAGALLETA /4435. A nosa fonte escribe *cajalletas*. (Agro., Frei., Parga, Rama., Viso2).
4439 **calindraca** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Couso).
4440 **carambola** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Carbal., Dozón).
4441 **carola** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo das vacas. (San.).
4442 **carolo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAROLA /4441. (Alla2, Ribó).
4443 **carrabañola** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegadas ó pelo da vaca. (Chan.).
4444 **carracha 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Lava.).
4445 **carrancho** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Fózara, Zamáns).
4446 **carraña** *s.f.* Conxunto de bólas de bosta pegadas ó pelo da vaca. Piñe. e PSil utilízano en pl. (Cal., Piñe., PSil, Xun.).
4447 **carrasca** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Vala.).
4448 **carreña** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CARRAÑA /4446. (Enxames).
4449 **carriza** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Ben., Mondo2).
4450 **carroña 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Abe., Vnova2).
4451 **carroña 2** *s.f.* Conxunto de bólas de bosta pegadas ó pelo da vaca. (Grixó).
4452 **carroza** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Noalla).
4453 **casca** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Guil2).
4454 **cascagho** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. A nosa fonte escribe *cascajos*. (Cang3).
4455 **cascalla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Cab.).
4456 **cascarra** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Amandi, Bolo, Cang3, Cerd2, Cervá2, Com1, Fol-LE, Gud., Morga., Mra., Neda, Oliv., Oroso1, Peno., Peroxa, Pravio, Taboa., Vmaior).
4457 **cascárrea** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Gud5, PSeca, Vrei.).
4458 **cascarria** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. *O gado que ten a corte mal estrada, que pasta en lameiros ou anda por trolleiros enfouza o rabo no esterco e no barro, formando-se-lle nas serdas do mesmo 'cirolas' ou cascarrias, coas que fai roxido cando abana o rabo para tornar as moscas* (Parade.:277). Tamén está documentada esta voz, e maila de *cazcarrias*, nos Ancares, pero co significado de mucosidade seca dos narices, falando da xente (Ancares2:102). (Bas., Baíñas, Caa., Cab., Carr-G, Ced., Couce., Eixo, Fara., Fol-C, Lamas, Parade., Porto, Rus, San.).
4459 **cascarrilla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (San.).
4460 **cascoira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Negral).
4461 **caspela** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Fuxás, Piñor).
4462 **castacheta** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Lendo).
4463 **castañeta** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAROLA /4441. (Lestón, Mon., Negr2).
4464 **castañola** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAROLA /4441. (Arzón, Mon., Negr2, Razo, SComba).
4465 **castañoza** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CASTAÑOLA /4464. (Estr4).
4466 **castrallón** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Morai.).
4467 **cazcarra** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Arroxo, Baltar, Barre., Burón, Busta,

Cubi2, Fre., Incio, Laioso, Laraxe, Mour1, Neves2, Nove2, Pade., Rib-S, Santi., Suarna, Troán1, Valen., Veste., VFrore., Vilar, Xeve).

4468 **cazcárrea** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Gud5, Mez., Pentes1, Vil.).

4469 **cazcarria** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Suarna).

4470 **cazcarrio** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Ced., Vill-O).

4471 **cencerra** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Vi-Val).

4472 **cencerrella** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAZCARRA /4467. (Estr3, Vi-Val).

4473 **ceroula** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CIROLA /4476. *Mira que mao de ceroulas leva esa vaca nas coxas e no rabo*. (Parade.).

4474 **cerralla** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Alence, Consta., Laxosa, Samos3).

4475 **cigalla** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. Cab. recólleo en pl. (Cab.).

4476 **cirola** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. Ver CASCARRIA /4458. (Parade.).

4477 **codela** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Medín, Melias, Pre.).

4478 **codia** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CODELA /4477. (Conxo).

4479 **codobela** *s.f.* Bosta seca e agretada na pel das vacas. (Ram.).

4480 **codrelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Cunt2).

4481 **costra 2** *s.f.* Conxunto de bólas de bosta pegadas ó pelo da vaca. Oirán recólleo en plural. (Carb3, CReis2, Lañas, Noice., Oirán, Saiar, SComba, Vmaior).

4482 **cotraña** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Goián).

4483 **crocha 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Carr-C).

4484 **cudela** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CODELA /4477. (Callo., Nove.).

4485 **choca 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (VLLM).

4486 **chota 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Figue1).

4487 **embosteada** *s.f. Ú. m. en pl.* Conxunto de bólas de bosta pegadas ó pelo da vaca. (Medín).

4488 **estoira** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Cruído).

4489 **fonzorrello** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Cervá1).

4490 **limo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* A nosa fonte defíneo como "bóla de bosta pegada ó pelo da vaca". Coidamos que máis ben debe se-la sucidade de orixe uroxenital propia das metrites ou eses restos da placenta que a vaca vai expulsando (*purgando*) durante os días seguintes ó parto. Tanto nun caso coma noutro, estes restos, viscosos e pegacentos, e moitas veces mesturados coas feces, adoitan quedar pegados ó rabo ou nas patas. (Dum.).

4491 **lorda** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Crendes, Sofán).

4492 **louzorrello** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Cervá2).

4493 **mancha** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Valad2).

4494 **moghalla** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. A nosa fonte escribe *mojallas*. (Lago).

4495 **morghalla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MOGHALLA /4494. (Anca, Meir.).

4496 **pelindre** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Somo1).

4497 **péndola** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Burela1).

4498 **perilla 5** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Cam4, Cur1).

4499 **prendegue** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Bar-Co).

4500 **tarrañuela** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Antas3).

4501 **tosta 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Arca).

4502 **zancarreta** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Gui.).

4503 **zarralla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Gun., Ped1, Samos3, Zolle).

4504 **zarzarola** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Rábade).

4505 **zudre 2** *s.m.* Bólas de bosta pegadas ó pelo da vaca. (Rib-E).

4506 ***cascabel** *s.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Suevos).

4507 ***castañuela** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CASTAÑOLA /4464. (Antas3).

4508 **bóla de merda** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver BÓLA 1 /5436. (Anseán).

4509 **bóla de sudre** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver BÓLA 1 /5436. (Tabor).

4510 **bosta seca** *s.comp.f.* Bosta pegada en forma de bólas ó pelo da vaca. (Arme.).

4511 **costra de bosta** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver COSTRA 2 /4481. (Vala1).

4512 **chata de bosta** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (Figue2).

4513 **ghrumo de bosta** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. A nosa fonte escribe *jrumos de bosta*. (Leir-A).

4514 **peghote de bosta** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. A nosa fonte escribe *pejotes de bosta*. (Mira.).

4515 **pella de bosta** *s.comp.f.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. (TapiaC).

4516 **pirillota colghada** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Bóla de bosta pegada ó pelo da vaca. A nosa fonte escribe *coljadas*. (Lagar.).

4517 **emboleirada** *adx.* Ver EMBOSTEIRADA /4519. (Meira2).
4518 **embostada** *adx.* Ver EMBOSTEIRADA /4519. (Tab1).
4519 **embosteirada** *adx.* [Vaca] que ten bólas de bosta pegadas no pelo. (Grixoa).
4520 **embostiada** *adx.* Ver EMBOSTEIRADA /4519. (Carde.).
4521 **embuleirada** *adx.* Ver EMBOSTEIRADA /4519. (Xudán1).
4522 **enceroular** *v.* Luxarse de bosta e encherse de *ceroulas* -cascarrias- as coxas e o rabo das vacas na corte, cando esta está mal estrada. (Parade.).
4523 **estar enfondada** *loc. v.* Ter [unha vaca] bólas de bosta pegadas no pelo. (Negra.).

A máis boa meleciña para tira-lo argabazo, auga, freganzo e xabón por enriba e por embaixo. (VLLM:2,450) [118]
¿Argabazo na coira? Auga, xabrón, rapa e a fóra. (VLLM:2,450) [119]
Si queredes un remedio para cura-lo argabazo, pasai por baixo e acima auga, xabrón e freganzo. (VLLM:2,450) [120]
Á vaca fraca non lle faltan chocas e raña. (VLLM:1,132) [121]
Ao boi carracho non lle falta argabazo. (VLLM:1,128) [122]
Ao boi fraco non lle falta raña e argabazo. (VLLM:1,129)

4.4. Medrar

4524 **medradeiro** *adx.* [Animal] que está medrando. *Está medradeiro*. (Piquín).
4525 **pular** *v.* Crecer [as plantas ou animais], tirar para riba. (Xun2).

4.5. Bradar/bruar

A vaca comunica as súas sensacións bradando ou bruando. Os gandeiros galegos distinguen brados de vaca e brados de boi, brados que parecen expresar dor ou medo ou ameaza e mesmo din percibir especiais bruídos chamando polas crías e destas pola nai; e en 7.2.4.2. veremos como se denomina o bruído especial que teñen as vacas en celo. Non entramos a calificar estes matices que moitos gandeiros din percibir na comunicación dos bovinos e que eles designan con termos específicos en cada caso, nin tampouco entramos a valora-lo que estas afirmacións significan dende un punto de vista científico. Pero é un feito imposible de negar que moitos gandeiros, que pasan co gando boa parte da súa vida, teñen esa percepción da comunicación bovina.

O brado do gando lémbranos que na mitoloxía grega cóntase que entre os prodixios que Diónisos realiza para impoñe-lo seu culto figura o de castiga-lo rei de Tebas (Penteo) ou de Argos (Proetos) que impiden a introdución das súas Bacanais e faino inducindo nas súas mulleres ou fillas un delirio místico que as fai bradar coma se fosen vacas (e mesmo mataren membros da familia).

4526 **abracar** *v.* Berrar moi alto [unha vaca], especialmente pola dor. En Xudán defíneno como "mugir el buey". (Burón, LG, Piquín, Suarna, XER, Xudán1).
4527 **ainare** *v.* Bramar baixo [as vacas], cando están cansadas. (Nigr2).
4528 **amoroxar** *v.* Bradar [a vaca] suavemente pola cría. (Lubián).
4529 **anlleare** *v.* Bramar baixo [a vaca]. (Carb4).
4530 **arbuír** *v.* Bradar. (CP).
4630 **arguar** *v.* Dar un berro insólito, moi forte e espantoso [unha persoa ou animal]. A nosa fonte escribe *argüar*. (Piquín).
4531 **arneirar** *v.* Bruar [o gando vacún]. (Carr-G).
4532 **arucar** *v.* Bruar [o boi]. (Grixoa).
4533 **atitar** *v.* Bradar [un boi]. (Porto).
4534 **aturrar** *v.* Berrar [unha vaca] especialmente coa dor. En Enxames defíneno como "mugir el buey". (Enxames,Osoño2,Tras.).
4535 **atutar** *v.* Bradar. (Mra.).

[118] Llópiz: *tiral-o*; recólleo de C. Viaño Raposo, de Melle, Arzúa.
[119] Llópiz explica que *argabazo* son *cazcarrias pegadas a las ancas de las reses ovinas y vacunas*.
[120] Llópiz: *cural-o*; recólleo de R.R. Vizoso, practicante.
[121] Llópiz explica *chocas* como pegotes de bosta nas coxas e costas e *raña* como sarnícola dos animais mal atendidos. El dicir di *farta* pero entendemos que debe dicir *fraca*, non só para que o refrán teña xeito senón porque el mesmo dá noutro lado un refrán paralelo: *Ó boi fraco non lle falta raña e argabazo*.
[122] Llópiz explica *boi carracho* ou *carrán* como *buey ruín, flaco y sucio*.

4536 **berracallar** *v.* Bruar [unha vaca] ameazadoramente, en son de loita, á vez que lanza terra coa pata contra si e ó aire. (LG, Xun2).

4537 **berrar 1** *v.* Bradar [un boi ou unha vaca]. Unímo-las respostas ás dúas preguntas que fai o cuestionario do ILG: *Mugir* (caderno 125) e *Mugir el buey* (126). Obtén *berrar* como resposta para a primeira pregunta en 85 lugares (C:35, LU:20, OU:3, PO:27) e en 58 para a segunda (C:27, LU:8, PO:23). Crespo Pozo dáo como moi común. (Común. ILG: 85 (C:35, LU:20, OU:3, PO:27)).

4538 **berrare** *v.* Ver BERRAR 1 /4537. (Ces.).

4539 **berrecar** *v.* Ver BERREGAR 1 /4540. (LG, Piñei1).

4540 **berregar 1** *v.* Ver BERRAR 1 /4537. (ERG, Goián, LG).

4541 **berreghar** *v.* Ver BERREGAR 1 /4540. A nosa fonte escribe *berrejar*. (Randu.).

4542 **boiar** *v.* Bramar [unha vaca polo boi] cando está en celo. (LG).

4543 **bordear** *v.* Ver BURDIAR /4565. (Alence, LG, Piquín).

4544 **borregar** *v.* Ver BERRAR 1 /4537. (Goián, Mosen.).

4545 **borreghar** *v.* Ver BORREGAR /4544. A nosa fonte escribe *borrejar*. En Mos aplícase a dúas persoas que estan discutindo moi acaloradamente ou a uns pais que reprenden severamente os seus fillos. (Fózara, Salv3, Tabor.).

4546 **borreghare** *v.* Ver BORREGAR /4544. A nosa fonte escribe *borrejare*. (Zamáns).

4547 **braadar** *v. arc.* Bradar. (CP).

4548 **bracar** *v.* Ver ABRACAR /4526. O noso informante en Vala. especifica a definición: "berrar desesperadamente". *Unha vaca que estaba a parir bracaba na corte. E tamén bracaban os xatos i os bois. Era o día da Ascensión, i as campás chamaban a misa das oito* (Cou3:136). *Rincha o faco, braca o boi e coaxa o ralo* (VLLM). No vocabulario que remata a edición do libro de Fole *Á lus do candil* defínese esta voz como: *Dise do munxir das vacas cando están pra parir*, pero polos exemplos que acabamos de ver, ben se ve que non é exclusivo das vacas parideiras: tamén bracan os bois. (Cou3, ERG, HOP, LCA1, LG, Piquín, Vala., VLLM).

4549 **bradar** *v.* Ver ABRACAR /4526. (Burón, ERG, HOP, Suarna, VLLM).

4550 **bramar** *v.* Berrar [un boi ou unha vaca]. Gud5 defíneo dunha forma máis xenérica: "Dar bramidos certos animais". (Com1, ERG, Fol-LE, Gud5, Mez., Oroso2, Porto, Val-LE).

4551 **brecar** *v.* Ver ABRACAR /4526. (ERG, LG, MLP).

4552 **brisar** *v.* Bruar [o boi]. (Estr4).

4553 **broiare** *v.* Bruar [o boi]. A nosa fonte escribe *broyare*. (Tab1).

4554 **bruar 1** *v.* Berrar [unha vaca]. As nosas fontes dan *bruar* como "mugir" en Baltar, Ced., Estr4, Mondo2, Noalla, Troán1, VFrore. e Xeve, máis 45 localizacións do ILG, entre elas Negr2, que especifica: "con dolor". Dan *bruar* como "mugir el buey" en Cere., Cubi2, Estr3, Lagar., Negral, Sabu2, Vala1, Vixoán., Vnova2, máis 44 localizacións na Coruña (ILG). E dan *bruar* para as dúas acepcións en Ben., Burela1, Callo., Fre., Negra., Sisto. (Común).

4555 **bruare** *v.* Ver BRUAR 1 /4554. (Fuxás, Gro1, Pre., Razo).

4556 **brugar** *v.* Ver BRUAR 1 /4554. (Carr-G).

4557 **bruiar** *v.* Ver BRUAR 1 /4554. Nas CSM dise *mogir as vacas* e *bruyar os touros*. En Cadrón (onde o noso informante escribe *bruyar*) significa indistintamente "mugir" e "mugir el buey". En Antas3, Camba, Carbal., Chan. e CTui danlle só o significado de "mugir el buey". En CTui e Antas3 tamén escriben *bruyar*. En Ctel1 o noso informante é máis explícito: "Berra-lo boi do posto ou imitar ese berro unha vaca ninfómana". Rivas Quintas defíneo como "mugir el toro o como el toro", e Tras. sinala que "o boi bruia, ou aturra, cando está enfadado, e tamén escarba". (Antas3, Cadrón, Camba, Carbal., Chan., CP, Ctel1, CTui, Dozón, ERQ2, Gud., Gud5, HOP, Oirós, Tras.).

4558 **bruír** *v.* Ver BRUAR 1 /4554. En Ribad. e Alla2 só o aplican a berra-lo boi. (Alla2, CP, Mra., Parade., Ribad., Santi.).

4559 **brullar** *v.* Ver BRUAR 1 /4554. ... *donde non oizas galo cantar/ nin neno chorar/ nin boi brullar* (Gaxate2). (Gaxate2, Lama3, Oliv., PSil, Sabu3).

4560 **bruxar** *v.* Bruar [o gando vacún]. (Caban).

4561 **bufar 1** *v.* Resoplar con ira e furor certos animais, coma [o boi]. (ERG).

4562 **bullar 1** *v.* Ver BRUAR 1 /4554. (Mez., Mez2).

4563 **burdar** *v.* Ver BURDIAR /4565. (Acevo, LG).

4564 **burdear** *v.* Ver BURDIAR /4565. (Cab., LG, Nogais, Troán1, VFrore.).

4565 **burdiar** *v.* Berrar [un boi] ante unha vaca. Cou4 define como "cantar de los bueyes". (Arroxo, Baltar, Burón, CarbCo., Cou4.,LG, Mon., Ped1, Rib-S, Suarna).

4566 **buruare** *v.* Ver BRUAR 1 /4554. (Gro1).

4567 **buxir** *v.* Bruar [o gando vacún]. (Carño2).

4568 **carmiñar** *v.* Bradar. (LP2).

4569 **chincar 1** *v.* Berrar [unha vaca]. (Com1).

4570 **esberracar** *v.* Ver ESBERRECAR /4571. (Incio).

4571 **esberrecar** *v.* Bruar [o animal], cando loita, maiormente o gando vacún. *Pelexaban e esberrecaban que puña medo*. (LG, Quiro., Xun2).

4572 **esborracar 1** *v.* Ver ESBORRECAR /4574. HOP recólleo en Samos e di que tal fai "cuando es corneada". (HOP, Xun.).

4573 **esborrear** *v.* Ver ESBORRECAR /4574. (Carbal., Consta.).

4574 **esborrecar** *v.* Bradar moi alto [o gando vacún]. Algúns dos nosos informantes matizan o significado de *esborrecar*. Para Antas3, Gui., Negral e Piñor, trátase do bradar dun boi;

en Vilaf. atribúeno á dolor dun golpe, e en Caa. é "cuando la vaca muge fuertemente por encontrarse en muy grave peligro o está grandemente asustada". O primeiro que ofrece este significado é Lan. (apéndice de ERG). Posteriormente xa aparece en XLFG e finalmente Rivas Quintas en *Frampas III* defíneo así: "v. i. Bajar la cabeza el ganado vacuno mugiendo con fiereza, buscando lucha. Barrela, Lu. Cf. *Frampas I esborrelar*". Vista esta definición, é ben posible que o significado inicial fose o producido polo bovino e que secundariamente se aplicase ós berros de desafío da mocidade que imita o dos bovinos. (Antas3, Arzúa4, Baltar, Caa., ERQ3, Fri., Gui., Gun., Lan., LG, Mel1, Negral, Parade., Piñor, San., TCha, VFrore., Vilaf.).

4575 **esburrecar** *v.* Ver ESBORRECAR /4574. Fara. recolle un enigmático pronominal *esburrecarse* que nos parece dubidoso. (Fara.).

4576 **esburruar** *v.* Ver ESBORRECAR /4574. (Com1, Crendes, Oroso2).

4577 **esgurriar 1** *v.* Bruar [o gando vacún]. *¡Moito esghurria ise boi!*. Rivas Quintas (*Frampas II*) explica que "*esgurriar* es más que mugir, pues se dice del toro, por ejemplo, cuando incita a pelear". Véxase explicación á voz ESBIRRIAR /9722 na epígrafe 8.8.11. *Patoloxía: esbirros*. (LG, Xun2).

4578 **eslacerarse** *v.* Bradar [o gando] coa fame. (Parade.).

4579 **estorgar** *v.* Berrar alto [unha vaca]. (Fri., Vilaf.).

4580 **gruar** *v.* Bruar [o gando vacún]. (Arca).

4581 **inar 2** *v.* Bradar [a vaca] pola cría ou esta pola nai. (LG).

4582 **inare** *v.* Ver INAR 2 /4581. A nosa fonte defíneo como "bramar baixo a vaca, cando traballa". (Meaño2).

4583 **inllare** *v.* Ver IÑAR /4584. (Baio).

4584 **iñar** *v.* Berrar baixo [a vaca] maiormente pola comida. A nosa fonte en Ibias explícao como "acariciar la vaca al ternero con la voz". (Crendes, Gui2, HOP, Ibias1, Ibias2, LG, MLP, Vala.).

4585 **iñare** *v.* Ver IÑAR /4584. (Arang2).

4586 **iñer** *v.* Ver IÑAR /4584. (Ancares2).

4587 **langhaiñar** *v.* Bruar [o gando vacún]. A nosa fonte escribe *lanjaiñar*. (Lagar.).

4588 **mear** *v.* Berrar [a vaca], como chamando pola cría ou queixándose. Tamén cando está en celo. (Crendes, LG, Parga, Xun2).

4589 **merxer** *v.* Bruar [o gando vacún]. (Melias).

4590 **miañar** *v.* Rivas Quintas defíneo como "berra-lo gando". HOP di que é berra-la vaca chamando ó becerro ou este chamando pola nai. Recólleo en Santiago de Saa (Páramo). (ERQ, HOP, LG, Páramo, Veste.).

4591 **miar** *v.* Ver MEAR /4588. (Xun2).

4592 **minar** *v.* Bradar pola dor ou pola cría. Tamén ten o significado figurado de choromicar (Aníbal Otero). (Barcia, HOP, LG, Meira2, Piquín).

4593 **moar** *v.* Ver MUAR /4599. (Alence).

4594 **mocexar** *v.* Bradar [a vaca] pola cría ou esta pola nai. (Donís2, HOP, LG).

4595 **mollar** *v.* Bruar [o gando vacún]. (Xudán1).

4596 **momear** *v.* Bradar [a vaca ou o boi]. Rivas Quintas considéraa palabra onomatopeica, como *muar*, *muir*, *muiar*. (Fra2).

4597 **monxer 2** *v.* Bruar [o gando vacún]. (Fózara).

4598 **mosexar** *v.* Ver MOCEXAR /4594. (Donís2, LG).

4599 **muar** *v.* Bradar [unha vaca]. Recólleno como "mugir" en Baltar, Cubi2, Dúas, Penela e Vixoan; e como "mugir" ou "mugir el buey", en Amandi, Laiosa e Negral. *O boi berra e a vaca múa* (Sarria3). (Amandi, Baltar, Cal., Cubi2, Dúas, ERQ, Fri., Incio, Laiosa, Lan., LG, Negral, Parade., Penela, Sarria3, Vilaf., Vixoán., Zolle).

4600 **muare** *v.* Ver MUAR /4599. (Ces.).

4601 **mudiar** *v.* Bradar [unha vaca]. (LG).

4602 **mughir** *v.* Ver MUXIR 2 /4616. A nosa fonte escribe *mujir* en Ribe1 e *mugir* en Val-LE. (Ribe1, Val-LE).

4603 **mugiar** *v.* A nosa fonte define como "brua-lo gando vacún". Poida que se trate dunha adaptación do cast. *mugir*. (Piñor).

4604 **muiar** *v.* Ver MUAR /4599. (Lim6, Xun2).

4605 **muiñar** *v.* Ver MUAR /4599. En Saa. aplícano a unha vaca pola cría. (HOP, LG, PSil, Saa).

4606 **muír** *v.* Ver MUAR /4599. En Mouri. especifican que é chama-la vaca pola cría con berro suave. (Dis., Mouri.).

4607 **mullir** *v.* Ver MUXIR 2 /4616. (Pravio).

4608 **munghir 2** *v.* Ver MUXIR 2 /4616. A nosa fonte escribe *mungir*. (Piñei2).

4609 **munguir 2** *v.* Ver MUXIR 2 /4616. (Taboa.).

4610 **munxere** *v.* Ver MUXIR 2 /4616. (Morga.).

4611 **munxir 2** *v.* Ver MUXIR 2 /4616. (Alla2, Baltar, Bolo, Busta., CarbCo., Carbal., Vrei.).

4612 **muñar** *v.* Ver MUAR /4599. En VFrore e Baltar só lle dan o significado de "mugir". *Unha noite, mentres todos durmían, unha das vacas, a Branca, non deixou de muñar* (Bierzo2:159). (Baltar, Bierzo2, Cou1, LG, Seoane2, VFrore.).

4613 **musir 2** *v.* Ver MUXIR 2 /4616. (Baíñas).

4614 **muxear** *v.* Ver MUXIR 2 /4616. (ERQ2).

4615 **muxiar** *v.* Ver MUXIR 2 /4616. (MCouso).

4616 **muxir 2** *v.* Bradar. Recólleno como "mugir", en xeral, en Anca, Arme., Barre., Buga-A, Carde., Cere., Corb., Laxosa, Sende., Taboa., Vnova2, Vxoán; como "mugir el buey", en Bolo; e cos dous significados, en Cang2 e Frei. *Muxen de medo os bois nas coadras* (RC2:152, *Lume no pazo*). Nas CSM úsase a forma *mogir* que, máis aló da diferenza gráfica, presenta diferenza

fonética (a vogal era algo máis aberta e a consoante era sonora). (Anca, Arme., Barre., Bolo, Buga-A, Cang2, Carde., Cere., Corb., ERG, Frei., Gun., Laxosa, Pantón, RC2, Sende., Taboa., Vnova2, Vxoán).

4617 **muxire 2** *v.* Ver MUXIR 2 /4616. (Razo, Tab1, Verdía, Zamáns).

4618 **ñear** *v.* Bruar [o boi]. (Carb3).

4619 **ornear** *v.* Bradar [o gando vacún]. Recólleno como "mugir", en xeral, en Arzúa2, Bolo, Grixoa, Lobe., Neda, Sabu2 e Sabu3; como "mugir el buey", en Baltar, Busta., VFrore. e Vrei.; e cos dous significados en BarCo., Beman., Enxames, Lamas, Neves2, Peno., Poulo, PSeca, Vmaior e Vviño. HOP recólleo en Xinzo. (Arzúa2, Baltar, Bar-Co., Beman., Bolo, Busta., Enxames, Feás-A, Grixoa, HOP, Lamas, Lobe., Mra., Neda, Neves2, Peno., Poulo, PSeca, Sabu2, Sabu3, Salv3, VFrore., Vil., Vmaior, Vrei., Vviño).

4620 **orneiar** *v.* Ver ORNEAR /4619. Nótese que mentres Laureano Prieto recolle na Gudiña *orneiar* como "muar as vacas", Rodríguez Cruz (para nós, Gud5) recolle na mesma localización *ornear* como "rebuznar o burro". (LP).

4621 **reburdier** *v.* Bruar. O noso informante defíneo nun momento como "mugir, bramar", sen máis connotacións (Ancares2:197), e noutro como "manifestar [la vaca] el reclamo o celo" (Ancares2:197).

4622 **urrar 1** *v.* Bruar [o gando vacún]. (Borre., Cang3, Guil2, Morga., Rama., Valad1, Valad2).

4623 **xerir** *v.* Bruar [o gando vacún]. (Vill-O).

4624 **xirir** *v.* Bramar [a vaca] pola cría. (TapiaO).

4625 **dar berros** *loc. v.* Bradar [o gando]. (Parade.).

4626 **dar esborrecos** *loc. v.* Bradar. (Parade.).

4627 **dar muadas** *loc. v.* Bradar. (Parade.).

4628 **dar múos** *loc. v.* Bradar. (Parade.).

Ao cheiro da presa a vaca brúa/brada na estrebeira. (VLLM:1,129) [123]

Berra a vaca: hai maraxe. (CSF:112; VS:12796).

Berra a vaca, maraxe saca (CGP1: 79).

Ningún boi orneia pola cría. (Viana5) [124]

O touriño non berra por fillo. (VLLM:1,150) [125]

O que merca boi por vaca, ao bradar/bruar se desengana. (VLLM:1,148) [126]

Onde brúa un boi e canta un crego non che falta un peso. (VLLM:2,59)

Onde brúa unha vaca e un crego canta, nunca falta moeda branca. (VLLM:2,59)

Rincha o faco, braca o boi e coaxa o ralo. (VLLM:2,94) [127]

Alá no alto da serra
cantaba o galo i unha pita cega;
o galo canta ia pita chora,
porque os poliños dormían fóra;
o boi berra i a vaca múa,
i o castrón tóca-la murnia,
o carneiro é tamborileiro,
i aló vou eu que son o gaiteiro. [128]

Aló arriba no alto da serra
hai un galo e unha pita choca
o galo canta e a pita chora
porque lle dormen os polos fóra
o boi brúa, a vaca lle axuda,
o carneiro tamboreteiro,
aló vou eu que hei se-lo gaiteiro. [129]

Bérrache o boi polas vacas
e as vacas polos becerros,
así fan as 'castellanas'
cando se van os 'gallegos'. [130]

Berran os bois polas vacas,
as vacas polos becerros;
así fan os 'castellanos'
cando se van os galegos. [131]

[123] Llópiz recólleo en Sarria de L. Páramo e explica que *presa* é a ración de penso do pallal que polo inverno se lles dá ós bovinos estabulados, que a *estreveira* un departamento nas cortes onde se moxen as vacas, e que *bradar* é bruar forte.

[124] No texto: *pol-a*.

[125] Llópiz di que ten senso irónico e que llo transmitiu V. Risco; tamén di que figura no *Rifoneiro Minhoto*.

[126] Llópiz recólleo no Val de Lemos.

[127] Llópiz achega estoutro refrán definitorio; explica que *ralo* é unha das denominacións da cigarra ou chicharra. Cita outros coma *Dúas ovellas non fan benza; Dous godallos non fan fato; Fillo de cabra curcio é/se chama; De pequeno: chivato, de grande: godallo*.

[128] Sarria3. No texto: *cantab'o, i-onha, i-a pita, porqu'os, i-a baca, i-o castrón, tócall'a, i-aló, bou*.

[129] SCHU6/2/47a. No texto: *ll'axuda, qu'hei*.

[130] Lama2:149.

[131] Capela.: 207.

Choran os bois polas vacas,
as vacas polos becerros,
as mulleres 'castellanas'
pola ghaita dos ghalleghos. [132]

Choran os bois polas vacas
e as vacas polos becerros;
así fan as 'castellanas'
cando se van os galegos. [133]

Dous mozos daquel lugar
fixeron dous estrumentos,
que a tocalos coas maus
berraban como becerros. [134]

Están os bois polas vacas
as vacas polos becerros
así fan os 'castellanos'
'cuando' se van os 'gallegos'. [135]

Moza que levas as vacas,
lévame o meu becerriño,
queda na corte berrando
pola nai que é pequeniño. [136]

Mozas que leváde-lo gando,
levaime o meu becerriño,
que queda na corte berrando
pola nai, que é pequeniño. [137]

Nena que léva-lo gando,
lévame a miña marela;
queda na corte berrando
por unha pouquiña de herba. [138]

Nena que léva-lo gando,
lévame o meu becerriño;
queda na corte bruando
pola nai, que é pequeniño. [139]

Nenas que ides co ganado
levai a miña marela
queda na corte berrando
por unha gavela de herba. [140]

Nenas que ides co ganado
levaime a miña marela
queda na corte berrando
por unha gavela de herba. [141]

Neniña que vas co gando,
cóidame o meu becerriño;
queda na corte berrando
pola nai, que é pequeniño. [142]

Neniña que vas co gando,
lévame a miña marela,
que está berrando na corte,
por unha gavela de herba. [143]

... que foi cando se xuntaron – un
batallón de gaiteiros
de mulleres e rapaces – dos lugares
forasteiros
os mozos daquel lugar - saliron cos
instrumentos
e a tocalos coas maus – berraban
como becerros. [144]

Rapaza que vas coas vacas
lévame a miña marela
que ta berrando na corte
por unha gavela de herba. [145]

---

[132] Trazo.

[133] Coto2:44.

[134] XAB3:26, VG:16.03.1991. Esta cuarteta forma parte dun *Cantar de cego* que se atopa no Museo de Pontevedra e que data de ó redor de 1870. Titulado *O bo casamento do tío Naranxo coa tía María*, relata a desventurada voda entre un vello e unha moza. Coñecemos outra versión do mesmo cantar, que publica Xaquín Lorenzo no *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, baixo o título *Coplas do tío Laranxo*, pero non fai ningunha mención ó campo semántico que nos ocupa.

[135] SCHU4/2/284.

[136] Coto2:71.

[137] DBP:3719.

[138] DBP:3603. No texto: *lévam'e, d'herba*.

[139] JASA:98 (Cant.515); DBP:2625. No texto: *leva-lo, levam'o, po-la nai, n-a, qu'é pequeniño* (JASA); lévam'o, qu'é (DBP).

[140] SCHU1/2/294a. No texto: *qu'ides, d'herba.*

[141] SCHU1/2/294b. No texto: *qu'ides, levaim'a, d'herba*.

[142] MRV:50.

[143] MRV:49. No texto: *gabela*.

[144] SCHU4/2/10a. Fragmento dun romance do *Tío Laranxo*, recollido na Fonsagrada.

[145] SCHU1/2/295. No texto: *d'herba.*

San Antón, gárdame o gado
e mais o meu becerriño,
que está na corte bruando
pola nai: que é pequeniño. [146]

San Antonio garde o gando
e mais o meu becerriño
que está na corte bruando
pola nai que é pequeniño. [147]

San Antonio gharde o ghando
ghárdame a miña beserra
que está na corte berrando. [148]

Teste ti por boa moza
con pendentes de coral;
mellor che fora ter vacas
que bruasen no corral. [149]

Santa Bárbara bendita,
que en el cielo estás escrita
en papel de agua bendita.
Trono bravo que vén de Sevilla [150]
en agua mansa se derretería,
a esos montes ermos [151] *vamos parar*
donde non oizas galo cantar
nin neno chorar
nin boi brullar. [152]

Santa Bárbara Barbariña [153]*,*
vai xuntar a troboada
que no monte anda espallada;
xúntaa ben xuntiña [154]
pásaa a Montevideo [155]
donde galo non cantaba,
nin páxaro chiaba [156]*,*
nin boi brullaba [157]*.*

4.5.1. Gando que berra moito

4629 **boeira 3** *adx.* [Vaca] que berra moito. (Ctel1).
4630 **borreira** *adx.* [Vaca] que berra moito. (Arc1).
4631 **bruón** *adx.* [Animal] que brúa moito. (ERG).
4631b **burdión** *adx.* [Animal] que brúa moito. Véxase o poema *Bois burdiós* de Uxío Novoneyra no capítulo 16.1. (Cou4.).
4632 **minón** *adx.* [Animal] que mina con frecuencia. *Minar* é brada-la vaca pola dor ou pola cría. (Piquín).
4633 **orneadora** *adx.* [Vaca] que berra moito polo becerro. (Ctel1).
4634 **parecer unha palerma** *loc. v.* Berrar moito, abrir moito a boca [unha vaca ou persoa]. *Pareces unha palerma*. (LG, Piquín).

A vaca berrona chama ó lobo que a coma. (VLLM:1,131) [158]
A vaca bruadora chama polo lobo que a coma. (VLLM:1,131)
Boi que dá moito berro, agoira o cortello. (VLLM:1,134) [159]
Touriño que moito braca, agoira a casa. (VLLM:1,134) [160]
Touriño que moito brada/braca agoira a todos na casa. (VLLM:1,154) [161]

[146] VLLM: 1,94; recollida en Ortigueira.
[147] JPBI:201.29. No texto: *n-a*, *pol-a nai qu'é*.
[148] SCHU1/2/283, SCHU4/2/886. No texto: *ghard'o, ghárdam'a miña, qu'está*.
[149] JPBII:66.59. No texto: *Tèste*, *n-o*.
[150] No texto: *ven.* Unha nota aclara que *Se supone que con ello quieren decir que viene del sur*.
[151] No texto: *hermos*.
[152] Gaxate2:477.
[153] No texto: *Bárbariña.*
[154] No texto: *xunt'a ven*.
[155] No texto: *pasa-a Montevideo*.
[156] No texto: *chiava.*
[157] Lama3:477.
[158] Llópiz recólleo de José M. Magariños de (¿Setecoros?) Valga (Pontevedra).
[159] Llópiz corrixe erroneamente *dá* en *dai*; recólleo de G. Sánchez en Curtis.
[160] Llópiz: *agoira na casa* (sic); recólleo de M. Aviñoa en Allariz.
[161] Llópiz recólleo de M. Aviñoa, de Allariz.

O boi bruón [162]

Na lagoa do Carregal, que está no lugar de Reirís, concello de Santa Uxía de Ribeira, disque hai asolagada unha vila, da que se contan varias lendas. Unha delas é esta.

Pasando por onda a lagoa, ás veces, pódese oí-lo brado dun boi xigantesco que parece estar mergullado baixo a auga e que, por veces, vese nela un gurgullo, coma se fose o aire da respiración que lle sae polas ventas. Disque antes había naquel lugar un pazo real e, a carón del, as casoupas dos servos, e que a vila se chamaba Reirís.

Toda a xonte estimaba moito a filla do rei, porque era sabia, boa e garrida: ensináballes ós nenos moitas cousas, como contos, adiviñas e xogos, atendía os enfermos, miraba polos pobres, dáballes comida, pero non das sobras, senón da mesma comida que se cociñaba para a xente do pazo.

Alí o inverno era moi frío e con moita brétema e xeada. Nun día de invernía chegou ó pazo do rei un mouro moi ben portado pero que viña morto de frío. E a filla do rei tivo dó del e mandouno entrar para que aquecese á beira do lume, no que ardían bos rachóns de carballo. E botoulle de comer e deulle de beber.

O caso é que o mouro namorouse da princesa e díxolle que quería casar con ela, porque, de por parte de ser moi linda, tiña moi bo corazón. Mais o rei dixo que non quería nada con mouros, que eran pagáns e meigos e que a filla del gardábase para príncipe que fose branco e loiro coma ela e que fose tamén leal, valente e soubese manexa-la espada e a lanza sen usar ardides nin encantamentos.

O mouro tomou moi a mal aquela resposta pero dixo que tamén quería sabe-lo que a princesiña dicía de todo aquilo.

E a princesiña dixo que unha cousa era botarlle unha man a quen o precisara, sen mirar quen era, e outra entregarse sen amor a un home que nin pola alcurnia nin polo feitío era para emparellar con ela. Porque, ben mirado, o tal mouro nin sequera era mozo.

¡*Havos pesar*! -bruou o mouro irritado. E coa mesma ergueuse e saíu do pazo.

Pero daquela empezou a trema-la terra e o pazo empezou a abalar como abalan as árbores, cando sopra o vento forte; e a xente pegou a fuxir do pazo chea de espanto e de medo. Pero no resto da vila tamén fuxía a xente, porque as casas víñanse abaixo e as fontes deitaban tan grandes cachóns, que a auga corría polas rúas coma os regueiros que arman nos camiños as grandes chuvias do inverno.

E o rei, ó fuxir coa súa filla nun cabalo, viu que o mouro estaba mirando con moita cara de risa, dende unha pena que había no coto do monte, toda aquela ruina; parecía que lle daba gusto todo aquel mal que provocara como unha burla cruel para vingarse deles. Daquela o rei empuñou a espada e dirixiu o seu cabalo a galope cara onde estaba o mouro, que, co gozo do que miraba, estaba despreocupado. Pero, en sentindo o galope, pillou medo e quixo fuxir pero, como xa non era mozo, non podía correr e entón convertiuse en boi. Mais o rei foille atallando tódalas voltas, cortoulle tódalas saídas e obrigouno a ir cara a vila xa medio asolagada. E a princesa, botando as súas xoias na lagoa que ía cubrindo as ruinas da vila, pediu axuda ás súas boas fadas dicindo:

¡Acudídeme, miñas boas fadas! ¡Que ese mouro traidor e ruín non saia xamais das ruinas e das augas que causou coa súa maldade e que pene para sempre no fondo da lagoa!

O mouro, sen perder figura de boi, íase mergullando na auga e daba grandes chimpos para saltar fóra; pero, canto máis saltaba, máis se metía na lagoa, ata que, bruando co pavor, desapareceu na auga.

O rei, a princesa e a xente salváronse todos daquela destrucción e fóronse de alí coa tristura dos bens que perderan, xa que alí deixaban a súa vidiña toda. Pero asentaron noutro lugar unha nova vila, aínda que non se sabe de certo cal das vilas que hai nas preto da lagoa é a que eles construíron.

[162] LCA5. A lenda xa a recolle en 1550 o Licenciado Molina e tamén nos nosos tempos Leandro Carré Alvarellos (1976): *Las leyendas tradicionales gallegas*. Espasa-Calpe, Madrid. Col Austral.

4.5.2. O berro

4635 **abraquido** *s.m.* Brado de dor. (Piquín).
4636a **arguada** *s.f.* Bramido. Grito insólito, moi forte e espantoso, de persoa ou animal. A nosa fonte escribe *argüada*. Ignoramos se isto ten algo que ver con *argón*, que no verbo daordes significa "boi" ou con *arguía*, que no barallete significa "carne de vaca" (Piquín).
4636b **arguído** *s.m.* Ver ARGUADA /4636. (Piquín).
4637 **berregón** *s.m.* Berro forte do gando. (ERG).
4638 **berro** *s.m.* Voz característica do gando vacún. (Común).
4639 **braco** *s.m.* Berro do boi ou da vaca. (CP, ERG).
4640 **bradido** *s.m.* Ver BRAMIDO /4641. (Piquín).
4641 **bramido** *s.m.* Voz do boi e doutros animais salvaxes. (CP, ERG).
4642 **brecadura** *s.f.* Acción e efecto de brecar. (ERG).
4643 **bruazo** *s.m.* Berro da vaca. (Mel1).
4644 **bruído** *s.m.* Berro da vaca. (Arzúa4, Cab., CP, ERG, Gro1).
4645 **bruio** *s.m.* Brado do boi ou da vaca. ERG limítao ó brado do boi e di que tira esta voz do Vocabulario da Crónica Troiana. *Dunha volta custoume moito poñer ó xugo unha vaca que baixaramos do monte e que non traballara nunca. Era unha boa vaca pero nunca traballara. E eu quería poñela a traballar para vendela ben. E non tiven máis remedio que botarlle os dentes, os meus dentes, á cana do naris dela. Os bruios que daba cheghaban ó ceo, berraba de morte; pero leveina ó xugo do lado que eu quería* (Ctel1). (Ctel1, ERG).
4646 **brúo** *s.m.* Ver BRUÍDO /4644. (CP, ERG).
4647 **bufido** *s.m.* Voz do animal que bufa. ERG dá a *bufar*, entre outros, o significado de "resoplar con ira y furor ciertos animales, como el toro y otros". (ERG).
4648 **carmiñeira** *s.f.* Brado. (Castro).
4649 **esborreco** *s.m.* Berro forte do gando vacún. ERG defíneo como grito dos mozos que andan de tuna e non menciona para nada o brado do vacún. (Parade., Sob.).
4650 **esborrequido** *s.m.* Bramido das vacas cando collen medo ou se dispoñen a learse con outras. (TCha.).
4651 **esgurriadela** *s.f.* Acción de esgurria-lo gando vacún. Ver ESGURRIAR /4577. (Xun2).
4652 **iño** *s.m.* Brado. (MLP).
4653 **minido** *s.m.* Acción e efecto de minar. Ver MINAR /4592. (Piquín).
4654 **muada** *s.f.* Berro da vaca. (Parade.).
4655 **muiado** *s.m.* Ver MUÍDO /4656. (LG).
4656 **muído** *s.m.* Brado da vaca. (LG).
4657 **muñido** *s.m.* Ver MUÍDO /4656. (LG).
4658 **múo** *s.m.* Berro da vaca. (Parade.).
4659 **muxido 1** *s.m.* Voz do boi ou da vaca. (ERG).
4660 **orneo** *s.m.* Acción de ornear. (Feás-A).
4661 **urro** *s.m.* Berro do boi. (CP, ERG, VLLM).
4662 **mu** *fórm.* Voz onomatopeica que remeda o bruído do gando vacún. (ERG, Sete-L).

O que merca boi por vaca, ao urro se desengana. (VLLM:1,148) [163]

A viteliña dá berros
e o cordeiro saltiños,
a moniña dá chirlos
*e os nenos *besiños.* [164]

Falando do berro do gando, presta ler en 16.2 os versos de García Lorca *Cantiga do neno da tenda* e tamén *Canzón de cuna pra Rosalía de Castro. Morta.*

4.5.3. Outros ruídos

4663 **batentoiro** *s.m.* Ruído que fan as vacas na corte ó se rañaren contra as paredes. (Burón, Suarna).
4664 **estrouzapé** *s.m.* Ruído ou barullo que fan os animais nas cortes. (Hermi.).
4665 **escadramouzar** *v.* Baterse, facer ruído [especialmente o gando] nas cortes. (Piquín).
4666 **esporrear** *v.* Resoprar [os animais]. (Lan.).

[163] Llópiz recólleo de J.M. Bergantiños en Buño, preto de Carballo; explica que o *urro* é o berro dun bovino.
[164] Carb-L:62.

4.6. Movementos

4.6.1. Andar, camiñar

4667 **andadura** *s.f.* Ver PASEO /4668. (Vxoán).
4668 **paseo** *s.m.* Forma ou estilo de camiñar propia dun animal. Dise que *ten bo ou mal paseo*, que *carda no paseo* etc. (Carño2, Ctel1, Tab1, Valad1).
4669 **auñar** *v.* Apoia-lo pé no chan coa punta das unllas. (Gud5, LP2).
4670 **esperruñar** *v.* Afinca-los pezuños no chan [os bois] cando soben unha costa. (Toba).
4671 **uñar 1** *v.* Pisar ben, apoiar con firmeza as patas sen ningunha anomalía postural. *Cando se lle 'torcen as patas', di-se que os bois non 'uñan' ben. 'Uñar' é pisar ou poñer ben os pesuños ao andar. 'Vendín os bois pra a macheta, porque se lle torceran as patas co traballo e xa non uñaban ben'*. (Parade.:276).
4671b **andar á corda 1** *loc. v.* Anda-las vacas, controladas por unha persoa que as leva presas pola corda (Barro, CLam3).

Vale máis a pegada dun boi ca de cen mosquitos. (Grou) [165]

4.6.2. Move-lo rabo

4672 **rabeliada** *s.f.* Golpe que un animal dá co rabo. (Piquín).
4673 **arrecachar** *v.* Ver RECACHAR /4681. (VLLM).
4674 **balar** *v.* Espanta-las moscas co rabo [as vacas]. (Gro1).
4675 **crechar** *v.* Ergue-lo rabo encorvándoo. (Carb., Carb4).
4676 **enguichar** *v.* Ergue-lo rabo encorvándoo. (Rubiá).
4677 **enriquichar** *v.* Ergue-lo rabo encorvándoo. (Oro-Ca.).
4678 **esponiar 2** *v.* Sacudi-lo rabo [unha vaca]. (Piquín).
4679 **rabexar** *v.* Move-lo rabo. (LCA2).
4680 **rabiscar** *v.* Ver RECACHAR /4681. (ERG).
4681 **recachar** *v.* Levanta-lo rabo [un animal]. Por veces, este movemento co rabo representa unha ameaza: *Do boi que recacha o rabo, ponte a salvo* (VLLM). Gud5 aplícao tamén á muller cando o que levanta é a saia. (Com1, CP, ERG, Gud5, LT2, Piquín, Sob., VLLM).
4682 **repichar** *v.* Ver RECACHAR /4681. (ERG).
4683 **requichar 1** *v.* Ver RECACHAR /4681. (Grixó, Lemos2, NRam., Pantón).

Boi bravo, alza o rabo. (VLLM:1,150) [166]
Boi bravo arrecacha o rabo. (VLLM:1,150) [167]
Boi bravo leva o rabo alzado. (VLLM:1,154)
Boi bravo leva o rabo recachado. (VLLM:1,154) [168]
O touriño, cando é bravo, ao andar recacha o rabo. (VLLM:1,150) [169]
Touro bravo ergue o rabo. (VLLM:1,150) [170]
Touro bravo leva o rabo recachado. (VLLM:1,154) [171]
Cando o boi moito lle dá ó rabo, brétema temos ó cabo. (VLLM:1,137) [172]
Do boi co rabo recachado, ponte a salvo. (VLLM:1,140) [173]

---

[165] No texto: *mais*.
[166] Llópiz recólleo en Torres de Lourenzá.
[167] Llópiz recólleo do veter. Javier F. Losada que lle explica que *arrecacha-lo rabo* é característica dos touros non capados que se destinan á reprodución.
[168] Llópiz recólleo en Lugo (Estación Pecuaria Regional).
[169] Llópiz recólleo de V. Muñiz, prof. veter.
[170] Llópiz recólleo de José Mª Leirado.
[171] Llópiz recólleo na Estación Pecuaria de Fingoio.
[172] Llópiz recólleo na Capela de A. Abelaira.
[173] Llópiz: *póñete*; di que tanto o touro coma o boi novo, cando van arrancar a embestir, arquean o rabo. Complementa este refrán con aqueloutro *Faite o morto e deixarate o touro*, que é a maneira de se poñer a salvo dos touros que embisten. Sempre se dixo que, lonxe de ataca-las cousas vermellas como se dicía, os touros atacan o que se move, porque eles ven en branco e negro, é dicir, apenas distinguen as cores. O fisiólogo veterinario Kolb admite que os animais non teñen a mesma sensibilidade cromática có home *pero es difícil obtener información exacta sobre este problema. Hasta el momento se ha podido demostrar de forma definitiva la apreciación de los colores en el caballo, bóvidos, oveja, cobaya, ardilla y muchos monos* (EK:1.021-1.022). Llópiz recolle este refrán de Javier F. Losada.

Do boi que recacha o rabo, ponte a salvo. Si non podes liscar, bótate ó chan; fínxete morto e deixarate o touro. (VLLM:1,142) [174]

4.6.3. Sacudi-la cabeza

4684 **camellazo** *s.m.* Movemento brusco, de abaixo a arriba, que dan os bois cando están xunguidos. (VGR).
4685 **degolar 2** *v.* Inclina-la cabeza [un animal ou unha persoa]. (Ced.).
4686 **escadamoxar** *v.* Sacudi-la cabeza e o rabo [o gando vacún]. (Barcia, Piquín).
4687 **escadramoxar** *v.* Ver ESCADAMOXAR /4686. (Martín).
4688 **esmonexar** *v.* Sacudi-la cabeza [os animais] cando o pican as moscas ou ameazan con turrar. (Parade.).
4689 **esmosqueirar 2** *v.* Ver ESCADAMOXAR /4686. (Vbol.).
4690 **esmouciar** *v.* Ver ESMONEXAR /4688. (Parade.).
4691 **esponiar 3** *v.* Sacudi-los cornos [unha vaca]. (Piquín).
4692 **sumozar** *v.* Mover [as vacas] a cabeza dun modo especial. (Ped1).
4693 **xacamiar** *v.* Sacudi-la cabeza a un lado e a outro. *Esta condanada non fai máis que jacamiar: non tá pinta parada*. (Acevo).
4694 **xamonear** *v.* Sacudir [o gando, especialmente o vacún] a cabeza e o rabo. (Seoane2).
4695 **zafronear** *v.* Ver ESCADAMOXAR /4686. (Rubiá).
4696 **zamonear** *v.* Ver XAMONEAR /4694. (Vila.).
4697 **zaramonear** *v.* Sacudi-la cabeza [os animais]. En Lan. especifícase que coa intención de turrar. (Lan., Lan3, Piquín).
4698 **zaramoneiar** *v.* Ver ZARAMONEAR /4697. (LP).

4.6.4. Curva-lo espiñazo

4699 **enquerquenarse** *v.* Curva-lo espiñazo cara arriba. (Suarna).
4700 **espandiñarse** *v.* Curva-lo espiñazo cara abaixo. (Burón, Suarna).
4701 **esquerquenarse** *v.* Ver ENQUERQUENARSE /4699. (Burón).

¿Cando se pon a vaca máis redonda? [175]

4.6.5. Outros movementos

4702 **sacatreu** *s.m.* Sacudidura dada por un animal ou persoa co seu corpo. Aníbal Otero escribe *sacatréu*. (Piquín).
4703 **sacrateu** *s.m.* Ver SACATREU /4702. Aníbal Otero escribe *sacratéu*. Tal como está disposta a definición desta voz por Aníbal Otero non podemos asegurar que teña o valor de var. de *sacatreu* e non o valor de tiratacos que ten en Redondela a palabra *saquitraque*. (Xudán).
4704 **acoforar** *v.* Acubillarse [un xato] no ventre da nai para durmir durante a noite. (LG).
4705 **arreluarse** *v.* Refregarse [un animal] contra unha pedra, árbore ou outra cousa calquera. (CP, ERG).
4706 **bafexarse** *v.* Cheirarse [os animais] para recoñecerse. Déixanlles facelo cando se atopan por vez primeira os animais domésticos, para que se coñezan e non se pelexen. (Barcia).
4707 **carrodear** *v.* Mover [as vacas] os cadrís moito ó andaren. (Mra.).
4708 **cofarse** *v.* Ver ESCOFARSE /4715. (CP, ERG).
4709 **cofearse** *v.* Ver ESCOFARSE /4715. (CP).
4710 **cozarse** *v.* Ver ESCOFARSE /4715. (Vala.).
4711 **choutar** *v.* Saltar [os becerros, cabuxos, años e outros animais novos]. (ERG).
4712 **emborquillarse** *v.* Emborcallarse [os animais] refregándose no chan. (Parade.).
4713 **esborracar 2** *v.* Rebechar, escallar [as vacas] moito cando vai frío de neve. (Antas4).
4714 **esborrar** *v.* Renovar [o pelo] as vacas. (Per).
4715 **escofarse** *v.* Refregarse [os animais] entre si ou contra unha pedra, árbore ou outra cousa

[174] Llópiz: *póete*; recólleo de Javier Fernández Losada.
[175] Cando está a lambe-lo cu. PM:166.

calquera. *Boi con boi se escofa* (VLLM). (CP, ERG, Mra., VLLM).

4716 **escorcear** *v.* Estarricarse [o animal] para coller algo ou para se espreguizar. *Esta vaca non fai máis que escorcear*. (Maceda).

4717 **escozarse** *v.* Ver ESCOFARSE /4715. O informante explica que fan así polo proído causado polas carrachas. *Alí vai a vaca escozar-se á cancela. 'A vaca sempre andivo escozando-se nos carballos'*. (Parade.:279).

4718 **esgaldrufarse** *v.* Mollarse [as vacas ou outros animais] ó bate-la auga ou outros líquidos. (Paíme).

4719 **estouriar** *v.* Brincar [as vacas]. (Piquín).

4720 **estroubar** *v.* Ver ESTOURIAR /4719. (Made).

4721 **goldrear 1** *v.* Golpear. *A vaca goldreaba o xato*. (Piquín).

4722 **mosquexar** *v.* Sacudir [unha vaca] as moscas co rabo, coas orellas ou coas patas ou o corpo en xeral. (Xun2).

4723 **mourear** *v.* Dar [as vacas] co fociño na porta, parede etc. *A vaca está a mourear na porta*. (Carr-P).

4724 **outear 1** *v.* Estar [o gando] sen pacer no monte, mirando ó lonxe. Véxase o poema *Bois burdiós* de Uxío Novoneyra no capítulo 16.1. É sabido que o gando bovino, despois de comer, adoita colocarse inmóbil mirando cara ó lugar de onde vén o vento. Son os sesteiros do Suído. Algúns interpretan *outear* como mirar, quizá influídos polo significado de *otear* en castelán, pero é posible que se relacione máis ben con *outo*, alto, xa que os sesteiros están no máis alto. Tamén as gaivotas se pousan nos cumios dos tellados na mesma posición pero non parece nin que estean inquietas nin que estean escrutando nada. Parece que están tranquila e pacificamente descansando a comida. (Cod2,Cou4).

4725 **bota-la gaita fóra** *loc. v.* Evaxina-lo pene [un boi]. (Cam1).

Boi con boi se escofa. (VLLM:1,157) [176]
Cada boi raña onde lle proi. (RCI:142)
En febreiro o boi rasca no castiñeiro. (XTC4)
O boi e o home sobre a cea dorme. (ERQ1:71) [177]

[176] Llópiz explica que *escofarse* é refregarse uns animais contra os outros, maiormente os bovinos; recólleo en Sarria de L. Páramo.

[177] Este refrán cítao ERQ na voz *dormiñón* e di que en Marín designa un tipo de *marisco parecido al 'boi', pequeño, que suele estarse quieto y como encogido*, descrición que para nós corresponde a un crustáceo decápodo denominado *Atelecyclus undecimdentatus*, relativamente semellante ó boi (*Cancer pagurus*). Pero localiza o refrán en Curtis; e, sendo Curtis do interior, cremos que se trata do noso boi (*Bos taurus*).

Capítulo 5. ANATOMÍA

Capítulo 5. ANATOMÍA

No presente capítulo describiremos sucintamente os distintos aparatos ou sistemas que forman parte da anatomía do gando vacún, así como os órganos que os conforman. Como xa dixemos na introdución (1.6.), só falaremos daqueles órganos para os que demos recollido algunha información popular, polo que necesariamente quedarán outros sen mencionar. Hai casos nos que nos queda a dúbida de se as denominacións recollidas designan realmente os órganos correspondentes do gando vacún e non doutras especies, coma o porco, para o que a observación directa no momento da mata dá un maior coñecemento por parte dos gandeiros, pero asumimos que o mesmo nome designará tamén ese órgano no caso do gando vacún. A estruturación dos datos é a mesma: clasificamos sistematicamente o vocabulario dentro do aparato ou sistema ó que pertenza.

5.1. A pel

A función principal da pel, tanto no gando coma en tódolos seres vivos, é a de actuar como órgano de protección contra as influencias mecánicas, físicas e químicas do entorno. Na mesma liña, o pelo (tal como fan noutros animais as serdas ou as plumas) permite reduci-la perda de calor corporal, ademais de cumprir outras funcións ecolóxicas (como a defensa fronte ós predadores mediante a camuflaxe co entorno) e de diferenciación sexual.

Pero a pel tamén actúa como órgano sensorial, dotado de numerosos receptores (terminacións nerviosas) capaces de detectar estímulos de presión, temperatura e dolor; como órgano de excreción, ó estar dotada de diversas glándulas que eliminan vapor de auga, suor, substancias sebáceas e corpos olorosos; ou como órgano de depósito de sangue (ata un 10% do total) por dilatación dos capilares sanguíneos.

4726 **pel 1** *s.f.* Tecido elástico que recobre totalmente o corpo e que á súa vez está recuberto de pelo. (Común).

4727 **piel 1** *s.f.* Ver PEL 1 /4726. Distinguimos este *piel* do que chamamos *piel 2* e que alí consideramos castelanismo. Aquí a ditongación é un fenómeno peculiar de Goián (que se dá noutras palabras como *vaca cubierta*, *cancielas*) e que constitúe un trazo dialectal periférico, no que esta zona sudoccidental presenta unha mesma solución ó e tónico que a zona sudoriental de Galicia. (Goián).

4728 ***piel 2** *s.f.* Pel. (Burón, Cab., Com1, Feás-A, Gro1, Gud., Laxe, Razo, Sob., Vala.).

4729 **fito** *adx.* [Pelo] lustroso dos animais gordos e ben coidados. VGR localízao en Molinaseca e outros concellos leoneses. (VGR).

5.2. Aparato dixestivo

O aparato dixestivo está composto polo tubo dixestivo, que se estende dende a boca ata o ano, e comprende tamén as glándulas anexas (glándulas salivares, fígado e páncreas). Os anatomistas divídeno topograficamente en intestino cefálico (cavidade bucal e farinxe), anterior (esófago e estómago), medio (intestino delgado) e terminal (intestino groso). Para a mellor comprensión de toda esta epígrafe téñase presente a ilustración da epígrafe 4.1.2.; p. 285.

A súa función consiste na recollida, trituración, transporte e dixestión dos alimentos. Esta última fase podémola simplificar na absorción das substancias alimenticias utilizables para o organismo, utilizadas para cubri-las necesidades estruturais e enerxéticas, e na eliminación dos restos alimenticios, non aproveitables, en forma de feces.

5.2.1. A boca



Boca da vaca mostrando a carencia de dentes superiores (www.fotosyvideos.org)

A cavidade bucal, entre os labios e a farinxe, está limitada lateralmente polas fazulas, dorsalmente polo padal -duro e brando- e ventralmente pola lingua.

Como trazo máis característico da mucosa bucal dos ruminantes debemos destaca-la presenza na cara interna dos labios e, sobre todo, na cara interna das fazulas, de numerosas glándulas labiais avultadas, como pequenas espullas, e de papilas de forma cónica, de ata un centímetro de altura, co vértice cornificado. Son os chamados popularmente *sapos* ou *piollos*, e cumpren un importante papel mecánico no proceso da inxestión dos alimentos e na mastigación. Nas estomatites sofren unha inflamación e infartación sanguínea, resultando moito máis aparentes, feito que é obxecto de diferentes interpretacións polo gandeiro. Desta situación volveremos falar no capítulo de *Patoloxía: Estomatite* (8.5.7.).

O padal está dividido lonxitudinalmente por unha crista e presenta ademais de 15 a 20 cristas transversais, co bordo libre dentado e dirixidas cara á farinxe, que contribúen á progresión dos alimentos na boca.

4730 **barbo 4** *s.m. Ú. m. en pl.* Papila na cara interna da faceira. Gro4 e Xun2 situan estes *barbos* na superficie da lingua. (Ctel1, Gro4, Xun2).

4731 **barbón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BARBO 4 /4730. Laza recolle o plural *barbós*. Rivas Quintas di que por semellanza cos *barbós* da lingua das vacas tamén se lle dá este nome ós carambelos de xeo. (Laza).

5.2.2. A lingua



Becerro amosando a lingua.

Trátase dun órgano musculoso, moi móbil, responsable en boa parte da toma do alimento, da mastigación e da deglución, actuando tamén como asento do sentido do tacto e do gusto.

Consta de tres partes diferenciadas. A base da lingua fíxase no extremo inferior da boca, máis aló das últimas moas, e insírese no óso hioide. A parte media, ou corpo da lingua, fíxase á base da boca e á mandíbula. A punta da lingua é a única parte totalmente libre, aplanada dorsoventralmente.

A forma da lingua é característica de cada especie. Nos ruminantes presenta na superficie dorsal unha prominencia elíptica, ben marcada, e diante dela unha fosa, exclusiva dos bovinos.

A mucosa lingual posúe, na cara superior, numerosas papilas, de formas e tamaños variables, unhas con función puramente mecánica e outras con función gustativa. As primeiras están cornificadas superficialmente e son as responsables do tacto áspero da lingua das vacas.

4732 **arraigada 2** *s.f.* Base da lingua dos animais. (ERG).
4733 **lencua** *s.f.* Ver LINGUA /4739. (Com1, Sob.).
4734 **léngoa** *s.f.* Ver LINGUA /4739. (ERG, Per., Ram.).
4735 **lengua** *s.f.* Ver LINGUA /4739. (Común).
4736 **lerpe** *s.m.* Lingua. Aparece no dito *estarrica-lo lerpe* (saborear algo de comida). (Forc1).
4737 **lincua** *s.f.* Ver LINGUA /4739. (Toba).
4738 **língoa** *s.f.* Ver LINGUA /4739. (Razo).
4739 **lingua** *s.f.* Órgano musculoso e móbil situado no interior da boca. (Burón, Com1, Dum., ERG, Goián, Gui., SComba, Tebra2, Toba, Xun.).

Da vaca fraca, a língoa e a pata. (VLLM:1,139) [1]
Longa ten o boi a língoa, mais falar non pode. (VLLM:1,143) [2]

5.2.3. A farinxe, a gorxa

A cavidade farínxea, na que se entrecruzan os aparatos dixestivo e respiratorio, é un saco músculo-membranoso, situado no fondo da boca comunicando esta coas fosas nasais, por diante, e, pola parte posterior, coa entrada do esófago e a larinxe.

1 Llópiz recólleo de Marcellán (Ferrol 1870).
2 Llópiz: *língoa* (sic); recólleo de M. Aviñoa en Allariz.

Dorsalmente, presenta a tonsila farínxea, ou amígdala farínxea, órgano de natureza linfoide que forma un avultamento irregular e pouco evidente.

4740 **galas** *s.f. pl.* Farinxe, entrada do esófago. (Sob., Suarna).
4741 **galaxa** *s.f.* Farinxe, entrada do esófago. (Burón).
4742 **gola 1** *s.f.* Ver GORXA 1 /4745. (CP, ERG, Hermi.).
4743 **golga** *s.f.* Ver GORXA 1 /4745. (CP, ERGa).
4744 **gorsa** *s.f.* Ver GORXA 1 /4745. (Dum.).
4745 **gorxa 1** *s.f.* Farinxe, órgano situado no fondo da boca, no que se comunican os aparatos dixestivo e respiratorio. (Común).
4746 **goxa** *s.f.* Ver GORXA 1 /4745. (CP).


5.2.4. O esófago

Consiste nun longo conduto, moi dilatable, en forma de tubo, que limita por diante cun avultamento, o arco farínxeo-palatino, que abre ou pecha o conduto segundo se estea realizando a función dixestiva ou respiratoria da farinxe.

Percorre o pescozo e a primeira parte do tórax, en posición dorsal á traquea, ata desembocar na panza a través do cardia.

4747 **esófago** *s.m.* Órgano tubular do aparato dixestivo que comunica a farinxe coa panza. (Com1, ERG, Ram.).
4748 **gargueiro 1** *s.m.* Esófago. (CP).
4749 **gorxa 2** *s.f.* Esófago. (Burón, Ced., Dum., Gud., Suarna, Vil.).
4750 **harbeira** *s.f.* Esófago. (Cam1).
4751 **herbeira 3** *s.f.* Esófago. (Goián, Rosal, Teno.).
4752 **herbeiro 5** *s.m.* Esófago. (ERG, Ped1).
4753 **horbeiro** *s.m.* Esófago. A nosa fonte define como "tráquea", cremos que erroneamente. (Suarna).
4754 **pasapán** *s.m.* Gorxa. Com1 designa especificamente ó esófago. (Canizo, Com1, Gud5).
4755 **sófago** *s.m.* Esófago. (Gud.).
4756 **tope** *s.m.* Esófago. (ERG).
4757 **gorxa da comida** *s.comp.f.* Esófago. Ver GORXA DO AIRE /4908 no capítulo 5.3.3. *Anatomía do ap. respiratorio: a traquea*. (Caa., Com1, Gro1, Incio, Laxe, Oirós, Porto, Ver1, Xun.).
4758 **gorxa de comer** *s.comp.f.* Ver GORXA DA COMIDA /4757. (Cab., Gui., Gun.).
4759 **gorxa pequena** *s.comp.f.* Esófago. (Caa., Cur.).
4760 **gorxia da comida** *s.comp.f.* Ver GORXA DA COMIDA /4757. (Mez.).

5.2.5. Os preestómagos



Aparato dixestivo da vaca (Facultade de Veterinaria de Lugo).

O estómago dos animais mamíferos pode ser, segundo a especie, simple ou composto. Un estómago simple consiste nun órgano en forma de saco, máis ou menos curvado e recuberto interiormente por unha mucosa glandular en toda a superficie, polo que se denomina estómago glandular. Este estómago unicavitario é o caso dos carnívoros (can e gato) ou do home.

Un estómago composto caracterízase por presentar unha superficie interna desigual, con dúas zonas anatómica e funcionalmente diferentes. A primeira, anterior, está recuberta por unha mucosa desprovista de glándulas (en realidade, unha prolongación da mucosa esofáxica) e a segunda, posterior, por unha mucosa glandular, característica do estómago. Pode adopta-la forma dun saco único, no que as partes anterior e glandular se suceden sen delimitación externa ningunha, como é o caso do estómago unicavitario -pero composto- do porco e do cabalo, ou ben presentar nesa parte anterior unha serie de sucos e estrangulacións, máis ou menos profundas, que dan lugar a varias cavidades, como é o caso dos ruminantes. Nestes animais, a parte anterior componse de tres cavidades delimitadas por profundos sucos, todos eles recubertos pola mucosa característica do estómago anterior, sen glándulas, á que chamamos mucosa de revestimento, mentres que a cuarta cavidade representa o verdadeiro estómago, o *calleiro*, recuberto de mucosa glandular.

As tres primeiras cavidades forman unha unidade funcional e coñécense como *preestómagos*: panza, barrete e libro. Neles desenvólvense importantes fenómenos mecánicos, químicos e biolóxicos que preparan os alimentos, ricos en celulosa e, polo tanto, dificilmente dixeribles, para que poidan ser dixeridos máis tarde no estómago glandular e no intestino. Tamén cumpren unha importante función como depósito de alimento.

Na cortadoría, os preestómagos véndense, unha vez limpos e preparados, baixo o nome popular de callos, os máis populares e usados dos miúdos brancos, cos que se prepara o prato do mesmo nome (véxase 6.6.3. *As vísceras*).

4761 **callos 1** *s.m.pl.* Conxunto da panza, libro, bonete e calleiro, que se aproveitan para cociña-lo prato do mesmo nome. (Lañas, Tebra2).

5.2.5.1. A panza

É un saco voluminoso, duns 200-250 litros de capacidade nos adultos, que enche case totalmente a metade esquerda da cavidade abdominal, desde o diafragma ata a cavidade pelviana. Nos animais novos, pola súa alimentación láctea que só necesita do estómago glandular para a súa dixestión, está moi pouco desenvolvida, cun tamaño inferior á metade do tamaño do calleiro; en canto vai medrando o animal e iniciándose na alimentación vexetal, as proporcións van modificándose ata que ó cabo dunhas oito semanas os tamaños son parellos; ós tres meses, a panza é xa o dobre có calleiro e, no animal adulto, alcanza unha capacidade nove veces maior cá da este.

A mucosa interna, áspera e con numerosas vilosidades, non ten glándulas senón numerosas papilas filiformes, de máis de un centímetro, que permiten a absorción e que lle dan un aspecto típico de felpudo. Constitúe unha verdadeira cámara de fermentación na que se produce a degradación da celulosa dos alimentos grazas á abondosa flora bacteriana existente no líquido ruminal. Os movementos da parede da panza e a propia superficie irregular desta, con sucos e piares, axudan a este fenómeno mediante unha forte e continua mestura do contido.

4762 **andorga** *s.f.* Panza, ventre. (Burón, Cod., Com1, ERG, Feás-A, Gun., Mel1, Sob., Suarna, VGR).

4763 **bandallo** *s.m.* Ver BANDULLO 2 /4775. (Santi.).

4764 **bandofio** *s.m.* Panza [da vaca]. Dámoslle este significado por analoxía coas numerosas variantes que temos de panza: *bandolfo*, *bandoufa*, *bandouga*, *bandougo* etc. A nosa fonte defíneo realmente como "caixa torácica". (Ribó).

4765 **bandolfo** *s.m.* Panza [da vaca]. ¿Esta palabra (da que parecen saídas outras coma *bandoufa*) terá algo que ver co elemento de orixe xermánica *olfo*, lobo? É sabido que os animais carnívoros, para matar, atacan ó pescozo pero o que primeiro comen é o bandullo, a parte máis branda, ó revés das aves rapaces que o primeiro que comen son os ollos das súas preas. (Vcova.).

4766 **bandoufa** *s.f.* Panza [da vaca]. (Fre.).

4767 **bandouga** *s.f.* Ver BANDULLO 2 /4775. (Arroxo, Burón, Suarna).

4768 **bandougho** *s.m.* Ver BANDULLO 2 /4775. (Taboa.).

4769 **bandougo 1** *s.m.* Ver BANDULLO 2 /4775. (Piquín, VFrore.).

4770 **bandouvo 1** *s.m.* Ver BANDULLO 2 /4775. A nosa fonte escribe *bandoubo* pero relacionámolo con *bandolfo*. (Piquín).

4771 **banduio** *s.m.* Ver BANDULLO 2 /4775. A nosa fonte escribe *banduyo*. (Morai.).

4772 **bandulla** *s.f.* Ver BANDULLO 2 /4775. (Ribe2).

4773 **bandullada 1** *s.f.* Ver BANDULLO 2 /4775. (Carr-G, Com1, Gui.).

4774 **bandulleira** *s.f.* Ver BANDULLO 2 /4775. (Com1, Com4).

4775 **bandullo 2** *s.m.* Panza e, por extensión, conxunto

de panza e intestinos. *Pois case todos, además do seu recarto de carne (ben enteiro ou ben a partir con outros), acostuman levar tamén un anaco de fígado, boches ou bandullo pra os callos etc.* (Tebra2:23). (Arc1, Cal., Com1, Cur., ERG, Feás-A, Goián2, Gro1, Gud., Gud5, Gui., Gun., Incio, Lama, Marín, Mez., Mra., Nove., Oirós, Pantón, Ped1, Porto, Ram., San., Tebra2, Vala., Ver1, Vil., Xun. ILG:108 (C:40, LU:19, OU:11, PO:35, GExt.:3)).

4776 **barriga 2** *s.f.* Panza [da vaca]. (Barre., Busta., Caban., Callo., Carb3, Carbal., Carño2, Cere., Codeso., Corre., Dis., Fara., Gui., Lañas, Lendo, Lous., MCouso, Meira2, Noice., Parga, Pedro., Piñe., Piñor, PSeca, Rábade, Vrei.).

4777 **barriga 3** *s.f.* Conxunto de panza e masa intestinal. (Arc1, Sou2).

4778 **barrigha** *s.f.* Ver BARRIGA 2 /4776. A nosa fonte escribe *barrija*. (Agro., Anca, Anseán, Aranga, Borre., Carde., Cerd2, Corb., Couce., Culle., Cur1, Eixo, Enxames, Figue1, Fol-C, Frei., Lago, Lamas, Leir-A, Lestón, Negra., Noal, Ortoño, Oza, Pal., Rama., Razo, Rib1, Ribó, Santi., Sende., Sisán, Sofán, Suevos, Tab1, Teo, Valad1, Verdía, Verdu., Viso2, Vxoán).

4779 **bendullo** *s.m.* Ver BANDULLO 2 /4775. (Com4).

4780 **bochelo** *s.m.* Ver BUCHE 1 /4781. (Ced.).

4781 **buche 1** *s.m.* Panza. (Cab., Cervá1, Cervá2, Com1, Damil, Feás-A, Gui., Gun., Incio, Lal1, Laxe, Mez., Sada, Samos3, Veste.).

4782 **buchelo** *s.m.* Ver BUCHE 1 /4781. (Ced.).

4783 **bucho 2** *s.m.* Ver BUCHE 1 /4781. (Com1, Goián).

4784 **calleira 2** *s.f.* Panza da vaca e, p. ext., conxunto de preestómagos e intestinos. *A herba forméntalle na calleira e a vaca incha*. (Cam2, TapiaC).

4785 **calleiro 3** *s.m.* Ver CALLEIRA 2 /4784. (Bas., Covas).

4786 **callo 1** *s.m.* Ver CALLEIRA 2 /4784. En plural recólleo Lañas. Cremos que se trata de denominar unhas vísceras co nome do prato que se elabora cocendo esas vísceras. (Cervá1, Cervá2, Lañas).

4787 **candullo** *s.m.* Ver BANDULLO 2 /4775. (Viso1).

4788 **estómagho** *s.m. meton.* Panza da vaca. (Conxo).

4789 **gandullo** *s.m.* Ver BANDULLO 2 /4775. (Baña2).

4790 **herbeiro 4** *s.m.* Panza ou herbario. (Piquín).

4791 **mandongo** *s.m.* Panza da vaca. (Lañas, Vilar.).

4792 **mandougo** *s.m.* Panza da vaca. (Meir.).

4793 **mondoio** *s.m.* Panza da vaca. A nosa fonte escribe *mondoyo*. (Estr4).

4794 **pansa 1** *s.f.* Ver PANZA 1 /4795. (Baíñas, Buga-A, Dum.).

4795 **panza 1** *s.f.* Maior dos preestómagos dos animais ruminantes. (Común).

4796 **recho** *s.m.* Estómago dos animais. (DRAG2).

4797 **remoedoiro** *s.m.* Panza da vaca. (Xun2).

4798 **tampullo** *s.m.* Panza da vaca. (Lampón).

4799 **tripón** *s.m.* Panza da vaca, aínda que as nosas fontes (Cal., Incio, Mon.) defíneno como "estómago dun animal". (Cal., Dozón, Incio, Mon.).

4800 **ventre 2** *s.m.* Panza. (Arc1, Baña2, Casal., Cur., Oroso2, Sou1).

4801 **ventrullo 1** *s.m.* Ver VENTRE 2 /4800. (Consta.).

4802 **vougo 1** *s.m.* Panza. (Piquín, Suarna).

4803 **vouvo 1** *s.m.* Panza da vaca. As nosas fontes escriben *voubo* (Alence) ou *boubo* (Laxosa) pero, por semellanza cos adx. *desvougado* e *desvouvado*, escribímolo con dous uves. (Alence, Laxosa, Piquín).

4804 ***vientre** *s.m.* Ventre. *Un fixera unha gaita co vientre e as tripas dunha becerra, e dáballa a tocar a outro e apertaba pra que saira a basura* (Cuale.:108). (Boi., Burgo, Caban., CarbCo., Cuale., Cur., Gud., Lucí, Somo1, Zamáns).

5.2.5.1.1. A pedra bezoar

Os bezoares son concrecións esféricas, normalmente de natureza orgánica, que se forman no aparato dixestivo dalgúns mamíferos, incluído o home. Segundo a súa composición denomínanse tricobezoares (formados por pelo), fitobezoares (por fibras vexetais non dixeribles) ou litobezoares (concrecións calcáreas en capas sucesivas depositadas sobre un núcleo de area ou pedra). No gando vacún, e noutros ruminantes, adoitan estar constituídos polos pelos que inxiren ó lamberse a si mesmos ou a outros compoñentes do grupo e son bólas de tamaño variable e superficie veluda. No home prodúcense por vicios de conduta que levan a inxerir compulsivamente o propio pelo.

Tradicionalmente consideráronse eficaces antídotos contra toda clase de velenos e vendíanse nas boticas a prezos moi altos. De feito, a palabra procede do árabe español *bazáhr*, este do árabe clásico *bā[di]zahr*, e este do persa *pâd zahr*, que significa *defensor contra o veleno*. As *pedras Kaimán* que a medicina máxica di que proceden do cerebro do mono, do tigre ou do propio caimán, son unha simple superstición.

4805 **bezoar** *s.m.* Concreción calcárea esférica formada na panza sobre unha masa de pelos procedentes de lamberse as vacas. (ERG).

4806 **pedra bezoar** *s.comp.f.* Ver BEZOAR /4805. Lis Quibén (VLQ:56) di que en Vilarchán (Tourón, Ponte-Caldelas) utilizan unha pedra coñecida co nome de *Kaimán*, que describe como unha pedriña lisa, translúcida en forma de ovo de merlo, un pouco máis alongada pola punta e que no interior presenta por reflexo unha coloración vermella, moi suave ó fondo, ó sexa, na parte oposta a por onde se mira.

Bótana nunha cunca e cúbrena con auga dunha fonte que nunca estiñe e recitan este ensalmo para tira-lo aire de sapo, toupeira, lagarto, cobra, araña, píntega e rato: *Tallo bicho, bicho tallo,/ pernas, cabeza e rabo./ Sapo, sapón,/ rato, ratón,/ toupeira, toupeirón,/ lagarto, lagartón,/ culebra, culebrón,/ araña, arañón,/ todos los bichos de maldición*. Estas pedras, engade nunha nota, críanse no estómago, vexiga ou intestino de certos animais, sendo as máis estimadas as que aparecen no cerebro de certos monos, tigres ou caimáns. E en certas culturas coidan que, se esa pedra se mantén sen contacto co corpo dunha persoa, enferma e perde o brillo. E por iso hai que traelas en contacto co corpo, co que a pedra *cura*. (ERG).

5.2.5.2. O barrete

Está localizado anteriormente á panza, entre esta e o diafragma, e en contacto con este (o que facilita o padecemento da retículo-pericardite traumática, da que falaremos na epígrafe 8.5.15. do capítulo da *Patoloxía*). Presenta unha forma máis ou menos esférica, cunha capacidade de 8-10 litros nos animais adultos. A súa mucosa interna emite unhas laminiñas lineais que forman alveolos ou celas cuadrangulares, pentagonais ou, xeralmente, hexagonais, que semellan as celas dun trobo.

Nesta víscera continúanse os fenómenos de dixestión mecánica (trituración e mestura do contido alimenticio) que se viñan producindo na panza.

Tamén se lle chama *bonete* e, en castelán, *retículo* ou *redecilla*. Nós non atopamos entre gandeiros ou carniceiros ningunha denominación popular para esta víscera.

4807 **barrete** *s.m.* Ver BONETE /4808. (PBJ, VMA).
4808 **bonete** *s.m.* Segundo dos tres preestómagos dos ruminantes. (PBJ).
4809 **crespina** *s.f.* O noso informante defíneo como "o segundo estómago". (LG).
4810 **redeiriña** *s.f.* Ver BONETE /4808. *Hai que remoer. O cerebro manda as ordes á panza, á redeiriña, ao coallar... e o motor da herba ponse en marcha. Boi amosa a sintonía dos recados nun rou-rou inalterable, sete veces trousa e tres descansa e volve*. (XVP3:13).

5.2.5.3. O libro

Esta víscera, tamén de forma esférica e cunha capacidade de 11-12 litros, caracterízase polas láminas que emite a súa mucosa interna, moi amplas e numerosas, ata encher case por completo a cavidade, coas que aumenta considerablemente a superficie de absorción do órgano, que ten como función absorbe-lo exceso de líquido do contido dixestivo antes de pasar ó estómago, ademais de rematar de esmiuza-lo alimento en pequenos fragmentos.

O número total destas follas é de 96 a 112 nos bovinos, mentres que na cabra é de 80 a 88, e na ovella, de 72 a 80.

Tecnicamente denomínase *omaso,* nome que lle daban os romanos ó ventre dos bovinos. Pero xa é máis común a denominación metafórica de *libro*, porque as láminas que proxecta cara ó interior do órgano lembran a imaxe das follas dun libro, e mesmo *salterio* (nome, neste caso, do libro que utilizan os frades e cóengos no coro para cantaren os salmos).

4811 **follos** *s.m.* Ver CENFOLLAS /4813. (Gond.).
4812 **libro** *s.m.* Omaso, un dos tres preestómagos dos ruminantes con moitas e grandes láminas coma follas dun libro. En Grixoa defíneno como "panza da vaca". (Feás-A, Grixoa, Ram., XER).
4813 **cenfollas** *s.comp.m.* Libro ou omaso, chamado así porque interiormente ten forma de libro. Difícil de lavar, utilízase nos *callos*. No Apéndice ó *Diccionario* de Eladio Rodríguez atopámo-la voz *centafollas*, localizada en Cristimil e aboada por Aníbal Otero, co significado de "molleja". Non temos dato ningún que nos permita saber se se refire á moega das pitas ou á glándula comestible, propia dos animais novos e tamén chamada *timo*. Probablemente se trate da primeira, a xulgar por voces semellantes, como *santafollo*, que significa "papo de la pita" (ERQ) ou "buche de las gallinas" (CP). (Común).
4814 **centifollo** *s.comp.m.* Ver CENFOLLAS /4813. (XSL).
4815 **centofollas** *s.comp.m.* Ver CENFOLLAS /4813. Marcial Valladares escribe *cènto-follas*. (Cam1, ER, ERG, MVN, VS, XSL, XMSM, XTC4).
4816 **cenzafollo** *s.comp.m.* Ver CENFOLLAS /4813. (VS).
4817 **entrefollos** *s.comp.m.* Ver CENFOLLAS /4813. ERG explica que este termo se aplica a calquera estrutura orgánica membranosa e flexible, como a gorxa, a vaxina etc. Martín Sarmiento especifica máis e di que "en Pontevedra es un intestino con muchas dobleces, como un libro. Es frase *Ten mais entrefollos que una baca*" (FMS:444). (ERG, FMS, Pont2).
4818 **santafollo** *s.comp.m.* Ver CENFOLLAS /4813. (Mez3).

4819 **tantafollo** *s.comp.m.* Ver CENFOLLAS /4813. (LP, Mez., MVJ).
4820 **tentafollo** *s.comp.m.* Ver CENFOLLAS /4813. ¿El virá de *oitenta folios*? (Ver2).
4821 **tentefollo** *s.comp.m.* Ver CENFOLLAS /4813. (Xun2).
4822 **libro de cen follas** *loc. s.* Ver CENFOLLAS /4813. (Mel1, Sob.).

O pai que a súa filla quixer casar, déalle o cenfollas a lavar. (XMSH:71; ERG:cenfollas) [3]
O que á súa filla queira casar, díalle un cenzafollo a lavar. (VS) [4]
Quen a súa filla quixer casar, déalle o centofollas/ centifollo a lavar. (ER:129; XMSM:33; XSL:32; MVN:111; MVN2:101; XTC4; VS) [5]

5.2.6. O estómago ou calleiro

Este é o verdadeiro estómago dos ruminantes desde o punto de vista fisiolóxico, onde ten lugar a secreción do zume gástrico (estómago glandular). Embrioloxicamente ten unha orixe diferente dos tres órganos anteriores, orixinados a partir do esófago. Tecnicamente denomínase *abomaso*.

Adopta a forma dun saco lonxitudinal, curvado ventralmente, cunha capacidade duns 15 litros. A mucosa interna, de tipo glandular, como xa dixemos, presenta varios pregos lonxitudinais, máis marcados na parte anterior. Comunica co intestino a través do píloro.

Na epígrafe 6.5.7. verémo-lo uso do calleiro para a elaboración do queixo.

4823 **calleira 1** *s.f.* Ver CALLEIRO 1 /4824. (ERG, XER).
4824 **calleiro 1** *s.m.* Estómago glandular dos ruminantes (abomaso). (Cam1, Com1, Dum., ERG, Feás-A, Gro1, Laxe, MLP, Razo, San., SComba, TapiaC, Toba).
4825 **cárcavo** *s.m.* Estómago. (Pont.).
4826 **coallar 1** *s.m.* Ver CALLEIRO 1 /4824. *Hai que remoer. O cerebro manda as ordes á panza, á redeiriña, ao coallar... e o motor da herba ponse en marcha. Boi amosa a sintonía dos recados nun rou-rou inalterable, sete veces trousa e tres descansa e volve*. (XVP3:13).
4827 **cuallar 1** *s.m.* Ver CALLEIRO 1 /4824. (Ancares2).
4828 **cualleiro** *s.m.* Ver CALLEIRO 1 /4824. (Piquín).
4829 **estámago** *s.m.* Ver ESTÓMAGO /4832. (Com1, Per., Sob.).
4830 **estamo** *s.m.* Ver ESTÓMAGO /4832. Eliseo Alonso aplícao a unha persoa: *O 'Capitán' detíñase na porta sen que nadie o mandase parar. O mesmo facía na casa de don Estevo, a réxime por mor do estamo* (EAR3:21). (EAR3, Goián).
4831 **estógamo** *s.m.* Ver ESTÓMAGO /4832. (Gro1).
4832 **estómago** *s.m.* Órgano principal da dixestión. Pop. conxunto de panza, libro, bonete e calleiro, aínda que só este é o verdadeiro estómago. (Común).
4833 **estómao** *s.m.* Ver ESTÓMAGO /4832. (Porto).
4834 **presoiro 1** *s.m.* Calleiro. (CP, ERG).

5.2.7. A masa intestinal

O intestino consiste nun órgano oco, tubular, aloxado xunto ás demais vísceras dixestivas na cavidade abdominal. Esténdese dende o píloro, na desembocadura do estómago, ata o ano, e comprende dúas partes perfectamente diferenciadas, anatómica e funcionalmente: o intestino medio, ou delgado, e o intestino final, ou groso.

No tubo intestinal teñen lugar os fenómenos dixestivos máis importantes, en boa parte grazas á secreción que nel verten as glándulas anexas (páncreas e fígado) xunto coas secrecións das propias glándulas intestinais. Nel prodúcese a absorción dos nutrientes contidos nos alimentos e liberados nos diferentes procesos dixestivos. Para desenvolver estes procesos máis eficazmente, os movementos intestinais mesturan continuamente o contido, ademais de provocaren a súa progresión cara ó ano.

---

3 ERG: *á sua*. O cenfollas utilízase con outras vísceras para a elaboración dos callos e caracterízase pola dificultade que ten o seu lavado e limpeza pois hai que ir separando as follas unha a unha para elimina-los restos alimenticios que nel se atopan.

4 VS: *qu'a*. Saco explica que é así porque *No es fácil lavar*.

5 No texto: *Quèn á sua, quixèr, dell'o, á lavar* (MVN); *Quén á sua, quixér, dell'o céntofollas* [sic] *á lavar* (MVN2); *sua, cento-follas* (XTC4); *Quén* (XMSM).

A lonxitude total, que varía naturalmente segundo a especie animal de que se trate, pero tamén segundo a raza, aptitude e mesmo segundo o individuo, é de 33 a 65 metros no gando vacún, distribuída en 27-50 metros para o intestino delgado e 6-15 metros para o intestino groso [6].

4835 **asaduras 1** *s.f.pl.* Intestinos. (CP).
4836 **bandougada 1** *s.f.* Masa intestinal. (Piquín).
4837 **bandouvada 1** *s.f.* Masa intestinal. A nosa fonte escribe *bandoubada* pero relacionámolo con *bandouvo* e *bandolfo*. (Piquín).
4838 **bandullada 2** *s.f.* Masa intestinal. (Piquín).
4839 **bandullo 3** *s.m.* Conxunto dos estómagos e mailos intestinos. (Arc1, Caa., Cab., Ced., Com1, Cur., Dum., Goián, Gun., Incio, Laxe, Razo, Sob., Sou3, Toba, Vala.).
4840 **duplicia** *s.f.* Masa intestinal. ERG recolle a definición de JMP ("Callos, tripas") e engade "que se ponen a la venta". (ERG, JMP).
4841 **entrañas 1** *s.f.pl.* Vísceras da cavidade abdominal dos animais. (CP, ERG).
4842 **entripado 1** *s.m.* Conxunto dos intestinos dun animal. (SComba).
4843 **mondongada** *s.f.* Ver MONDONGO /4844. (ERG).
4844 **mondongo** *s.m.* Conxunto das vísceras abdominais. (ERG).
4845 **mondrollada** *s.f.* Masa intestinal. (Piquín).
4846 **mondrolloada** *s.f.* Ver MONDROLLADA /4845. (Paíme).
4847 **tripada** *s.f.* Ver TRIPAXE /4851. (Com1, ERG, Goián, Gui.).
4848 **tripadela** *s.f.* Ver TRIPAXE /4851. (Cod.).
4849 **tripallada** *s.f.* Ver TRIPAXE /4851. (Caa., Cab., Com1, ERG).
4850 **tripas** *s.f.pl.* Masa intestinal, formada polo intestino delgado e mailo groso. A nosa fonte en Guil2 e Rib-S defíneo como "panza da vaca", trasladando á rexión do corpo correspondente a denominación das vísceras que contén. (Común).
4851 **tripaxe** *s.f.* Masa intestinal dun animal. (Burón, Feás-A, Mel1, San., Suarna).
4852 **tripoiro** *s.m.* Ver TRIPAXE /4851. (Razo).
4853 **triporio** *s.m.* Ver TRIPAXE /4851. (Com1).
4854 **ventrullo 2** *s.m.* Masa intestinal. (CP).

5.2.7.1. O intestino delgado

No intestino delgado é onde se verifica a dixestión e a absorción das substancias nutritivas. Anatomicamente consta de tres partes: o duodeno, o xexuno e o íleo.

Na primeira parte, o duodeno, desembocan os condutos excretores do páncreas e o fígado. Relativamente curto, presenta unha forma curvada característica, a asa duodenal.

O xexuno (chamado así porque normalmente queda baleiro despois da morte) mide de 17 a 29 metros nos bovinos, e forma numerosas e curtas sinuosidades que penduran dun longo mesenterio.

O íleo apenas se diferencia externamente da parte anterior.

A mucosa do intestino delgado está provista de numerosas vilosidades, nódulos linfoides e glándulas intestinais, dispersas ou agrupadas. As primeiras resultan fundamentais na absorción das substancias alimenticias, por seren esponxosas e ricas en vasos sanguíneos e aumentar extraordinariamente a superficie da mucosa intestinal.

4855 **tripa delghada** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Intestino delgado. (Gro1).

5.2.7.2. O intestino groso

A derradeira parte do aparello dixestivo é o intestino groso ou terminal, que comunica o intestino delgado co exterior a través do ano. Nalgúns animais hai partes do intestino groso que non son máis amplas que outras do delgado: por iso a característica diferencial respecto á porción anterior, máis có diámetro, é a estrutura da súa mucosa, carente desas microvilosidades intestinais que describiamos antes.

Tamén podemos diferenciar tres partes: o cego, o colon e o recto. A primeira, realmente, é unha especie de apéndice, entre o intestino delgado e o groso, en forma de fondo de saco pechado, duns 50 a 70 cm de lonxitude nos bovinos.

[6] A lonxitude e capacidade do intestino están en relación directa co réxime alimenticio da especie animal que se considere. Así, nos carnívoros é proporcionalmente moito máis curto (unhas cinco veces a lonxitude corporal) que nos herbívoros (dez veces no cabalo, 20 veces nos bovinos e 25 veces nos pequenos ruminantes). Dentro dos herbívoros, a presenza dos preestómagos xustifica que, mentres no cabalo a capacidade de acumulación do intestino chega ós 100 -150 litros, nos bovinos sexa tan só de 60 a 120 litros.

O colon presenta en tódalas especies tres zonas claramente diferenciadas, adoptando a primeira unha forma, tamaño e posición característica segundo o réxime alimenticio: nos bovinos forma un plano no que se estende en espiral, cunha lonxitude de 6 a 13 metros.

Finalmente, o recto sitúase baixo o óso sacro e as primeiras vértebras caudais, máis ou menos recto cara ó ano. É un órgano moi dilatable en tódalas especies e duns 30-40 cm de lonxitude nos bovinos.

No intestino groso remátase a absorción dos alimentos e da maior parte da auga que conteña o fluído intestinal, sen cumprir outras funcións dixestivas. O contido intestinal acumúlase nesta parte do intestino para ser eliminado ó exterior periodicamente mediante a defecación.

4856 **colon** *s.m.* Segundo tramo do intestino groso. VMA escribe *colón*. (VMA).

4857 **curso 2** *s.m.* Colon ascendente. A nosa fonte defíneo exactamente como "tripa enrollada de la vaca", descrición que corresponde á primeira porción do colon, denominada tecnicamente *colon ascendente*. Pero, se non tomamos esta definición no sentido literal e entendemos esa *tripa enrollada* como a madeixa de intestinos enliados entre si que é o que ve un observador profano, deberíamos identificalo coa masa intestinal, en xeral. Téñase en conta, ademais, que co nome de *curso* se denomina habitualmente o ano, topograficamente lonxe daquel *colon ascendente*. (Fri.).

4858 **dobrada 1** *s.f.* Tripa grosa da vaca, da que se fan os callos. Eladio Rodríguez define *dobrada* como "tripa gruesa de vaca o de buey de que se hacen callos". Engadamos nós que os callos non se fan da *tripa gruesa*, nome popular do intestino groso, senón da panza ou ventre, o que nos leva a crer que cando fala de *tripa gruesa* está utilizando esa acepción colectiva de *tripa* como calquera víscera dixestiva. (ERG, LG).

4859 **tripa cagadeira** *s.comp.f.* Tripa cagalar, intestino recto. Ignoramos se só se aplica ó porco ou tamén ós outros animais. (Piquín).

4860 **tripa ghorda** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Intestino groso. (Gro1).

5.2.8. Glándulas anexas

5.2.8.1. As glándulas salivais

Son tres grandes glándulas dobres situadas na cabeza e que teñen como función a secreción da saliva, que facilita a mastigación e a deglución e inicia a dixestión dos alimentos. Son a glándula parótide, na parte lateral do pescozo e nas ramas da mandíbula; a glándula submandibular, entre o atlas (a primeira vértebra) e o hioide, de gran tamaño nos bóvidos; e a glándula sublingual, a ámbolos lados da lingua.

4861 **pasador 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Glándula salivar. (Lama).

5.2.8.2. O fígado

É a glándula maior do corpo, actuando simultaneamente como glándula de secreción interna e externa. Desempeña importantes funcións vitais, e non só no proceso dixestivo, entre as que destacarémo-la formación de pigmentos biliares e ácidos biliares, imprescindibles para a dixestión das graxas. Tamén intervén no metabolismo de tódolos principios inmediatos e no metabolismo hormonal, e ten unha importante función desintoxicante das substancias estrañas ó organismo, así como na descomposición do sangue metabolizando a hemoglobina.

Trátase dun órgano liso e parenquimatoso (macizo), situado inmediatamente detrás do diafragma. A cor, típicamente vermella máis ou menos escura, depende principalmente do seu contido sanguíneo, e o peso varía segundo a raza, sexo, idade etc. sendo proporcionalmente maior nos animais máis novos; nos animais adultos chega pesar 4,5 a 6,5 kg. O bordo ventral está dividido nunha serie de lóbulos, que varían segundo a especie animal: nos bovinos divídese en tres lóbulos, pouco marcados, subdividíndose o central en dous máis pequenos.

Desde o punto de vista alimenticio, o fígado é o máis importante dos miúdos e o de maior importancia comercial. Ten un alto valor nutritivo, equiparable ó da carne, e posúe importantes cantidades de ferro e vitaminas A, D e as do grupo B.

4862 **asadura 1** *s.f. Ú. t. en pl.* Fígado. En plural recólleo Mez. (Ancares2, Mez.).

4863 **fédago** *s.m.* Ver FÍGADO /4867. (Ped1, Suarna).

4864 **fégado** *s.m.* Ver FÍGADO /4867. (Burón, Cal., Mez., Mra., Piquín, Suarna, Ver1, Vil., Vil2).

4865 **fídago** *s.m.* Ver FÍGADO /4867. (Cur., Feás-A, Gui., Gun2, Per., Sob.).

4866 **figadeira** *s.f.* Ver FÍGADO /4867. (ERG).

4867 **fígado** *s.m.* Glándula maior do corpo situada nos bovinos trala superficie abdominal do diafragma. (Común).
4868 **fighadeira** *s.f.* Ver FIGADEIRA /4866. (Arc1, Sou3).

5.2.8.3. A vesícula do fel

A vesícula do fel, ausente nos équidos, é un pequeno saco en forma de pera, situado na fosa do fígado e unido a el. Recolle e concentra a bile, segregada por este órgano, e regula a súa saída ó intestino.

4869 **fel 1** *s.m.* Vesícula biliar. (Común).
4870 **fel 2** *s.m.* Secreción producida polo fígado necesaria para a dixestión das graxas. (Común).
4871 **fiel** *s.m.* Ver FEL 2 /4870. (Piquín).
4872 **vincha 3** *s.f.* Vesícula biliar. (Com1).
4873 **bolsa do fel** *s.comp.f.* Vesícula biliar. (Común).
4874 **bulsa do fel** *s.comp.f.* Vesícula biliar. (ERG).
4875 **pedra de fel** *s.comp.f.* Cálculo biliar, concreción de diversas sales minerais que por veces se forma na vesícula ou nas vías biliares. Engade ERG que as tales pedras se utilizan en pintura. (ERG).
4876 **vexiga do fel** *s.comp.f.* Vesícula biliar. (PAre1).

5.2.9. A graxa abdominal

As voces deste apartado son ben coñecidas como vocabulario do porco, animal do que se aproveita esta graxa. Como no caso da vaca esta graxa non ten utilización coñecida para o gandeiro tradicional, pode ben ser que os nosos informantes apliquen á vaca vocablos que realmente só utilizan referidos ó porco. Nós incorporámolas porque non podemos excluír que a mesma parte da vaca reciba esas mesmas denominacións.

Anatomicamente, o que denominamos como graxa abdominal deposítase especialmente no peritoneo, membrana que recobre internamente toda a cavidade abdominal e a parte craneal da cavidade pelviana, formando numerosas dobras que envolven e sosteñen as distintas vísceras. Na parede interna, na subserosa, posúe un tecido adiposo máis ou menos abundante segundo a especie animal, o estado de alimentación e a zona que se considere, que é, realmente, do que estamos falando.

Nun ensalmo para tirarlle o mal de aire á vaca, que recolle V. Risco, dise *sai das tripas e vai prá tes*:

Aire da vaca marela
sai das tripas e vai prá tes,
sai da tes e vaite pró coiro,
sai do coiro e vaite prós pelos,
saite dos pelos e vaite prós cornos,
e saite dos cornos e vaite pró mar
donde non sintas o galo cantar
nin galiña cacarexar.
Con el poder de Dios y de la Virgen María
un padrenuestro y un Ave María. [7]

Esta *tes* é a que nalgúns dicionarios (Aníbal Otero e Constantino García) aparece como *tez* e que, no que nos importa aquí, definen como *Membrana que separa las tripas de los músculos del abdomen* [8]. O ensalmo, como se ve, vai extraendo paulatinamente o mal do corpo da vaca dende o interior ata guindalo no mar. A súa feitura evoca un encaixe e explica denominacións populares como *mantelo, cordelada* ou *velo.*

4877 **cabezón 1** *s.m.* Membrana elástica infiltrada en graxa que envolve e sostén as vísceras abdominais. (Gun., Mel1, Mez.).
4878 **cadillo 3** *s.m.* Graxa que rodea os intestinos. (Laxe).
4879 **camersón** *s.m.* Ver CABEZÓN 1 /4877. (Laxe).
4880 **cordela** *s.f.* Graxa intestinal. (ERG).
4881 **cordelada** *s.f.* Abundancia de graxa intestinal no animal sacrificado. Ver CORDELA /4880. (ERG).
4882 **crespallón** *s.m.* Tecido adiposo que envolve

[7] Ensalmo para *talla-lo aire da vaca marela*, recollido por Risco (VR1: 478); no texto: *salte dos pelos, salte dos cornos*. Non especifica en que consiste este *aire de vaca marela* nin tampouco localiza xeograficamente o ensalmo. Este segue o esquema clásico neste tipo de procedementos, que consiste en obriga-la causa do mal a que saia do animal e se vaia a onde non pode facer mal ningún: *donde non sintas o galo cantar/ nin galiña cacarexar*, é dicir, alí onde non habita ninguén. Outros ensalmos son máis descritivos: *... donde non sintas ruxir/ nin auga correr – nin muiños moer/ nin galos cantar – nin nenos chorar*.

[8] Tamén é *2. Diafragma, 3. Membrana que contiene la carne después de esfolada una res.*

o conxunto das vísceras abdominais. O noso informante defíneo como "envoltura das tripas". (LG).

4883 **crespón 1** *s.m.* Graxa intestinal. (ERG).

4884 **falda 3** *s.f.* Epiplón ou tea graxenta que rodea as vísceras abdominais. (Cab.).

4885 **gordura** *s.f.* Envoltura de graxa que rodea os intestinos. (SComba).

4886 **mantelo** *s.m.* Graxa intestinal. (San., Vala.).

4887 **reaño** *s.m.* Ver RIAÑO /4888. (ERG).

4888 **riaño** *s.m.* Graxa que cobre o intestino e os riles do animal. (Sami.).

4889 **rodenlo** *s.m.* Graxa intestinal. (ERG).

4890 **rondelo** *s.m.* Graxa intestinal. (Rib.).

4891 **tez 1** *s.f.* Membrana serosa que rodea as vísceras abdominais. (Piquín).

4892 **unto** *s.m.* Graxa abdominal. (PAre1).

4893 ***velo 1** *s.m.* Graxa abdominal. (Caa., Cab., Com1, Gui.).

4894 ***mantilla 1** *s.f.* Ver MANTELO /4886. (Com1, Sob., Toba).

4895 ***redencilla** *s.f.* Tecido graso que envolve os intestinos. (Goián).

4896 ***grasa do cabezón** *s.comp.f.* Graxa abdominal que envolve os intestinos. (Mel1).

5.3. Aparato respiratorio

Está constituído, por un lado, polas fosas nasais, a farinxe, a larinxe, a traquea e mailos bronquios, órganos que cumpren unha función máis ben mecánica de transporte de aire, se ben non é esta a súa única función; e, por outro, polos pulmóns, nos que se realiza o intercambio gasoso do osíxeno do aire atmosférico polo anhídrido carbónico do sangue. Interveñen tamén diversos músculos, responsables do estreitamento e ancheamento do tórax, e, principalmente, o diafragma.

Ademais das funcións puramente respiratorias, nestes órganos asentan os órganos da fonación e os olfactivos.

5.3.1. As fosas nasais

Comunican co exterior a través dos orificios nasais, ou *ventas*, e coa farinxe a través das coanas, que nos ruminantes se unen nun único orificio. A parede interna, moi irregular pola presenza dos cornetes nasais, presenta abondosas glándulas serosas, e baixo a mucosa están os plexos venosos responsables do quentamento e humidificación do aire inspirado.

Os bóvidos, coma os outros animais domésticos, agás o cabalo, poden inspirar e expirar tanto a través das ventas como da boca. En circunstancias normais, realizan uns 20 movementos respiratorios por minuto (cun abano de 12 a 30), que se ven incrementados durante o traballo ou esforzos intensos e reducidos durante o repouso ou a xestación.

O vocabulario relacionado coas fosas nasais xa quedou recollido na epígrafe 2.3.4. do capítulo 2. *Exterior*.

5.3.2. A larinxe

Órgano do aparato respiratorio que conecta a parte caudal da farinxe coa traquea.

Forman a súa base anatómica unha serie de cartilaxes unidas entre elas por ligamentos. Posúe a propiedade de pechar totalmente o seu orificio anterior durante a deglución dos alimentos e así protexe-las vías respiratorias, mediante a epiglote, cartilaxe móbil de natureza elástica.

A mucosa interna da larinxe forma as cordas vocais que, coa glote, constitúen o órgano da fonación.

5.3.3. A traquea

É un conduto elástico, tubular e uniforme, que percorre o pescozo e entra no tórax, ata a súa bifurcación nos bronquios a cadanseu pulmón. Posúe, nos bovinos, de 48 a 60 aneis cartilaxinosos, que manteñen permanentemente aberta a luz deste órgano; os aneis traqueais non están pechados, deixando separados os extremos na parte dorsal.

4897 **gargueiro 2** *s.m.* Traquea. (Ancares2).

4898 **gorxa 3** *s.f.* Traquea. As nosas fontes defíneno como farinxe. (Cam1, Mez., Pantón, Ped., Vala.).

4899 **gorxe** *s.f.* Ver GORXA 3 /4898. A nosa fonte define como farinxe. (Goián).

4900 **gorxia** *s.f.* Ver GORXA 3 /4898. As fontes defíneno como farinxe. (Mez., Mra.).

4901 **gorxipo** *s.m.* Traquea, gorxa do animal. (Drago.).

4902 **gorxomelo** *s.m.* Traquea, gorxa do animal. (Fra.).

4903 **trácrea** *s.f.* Ver TRAQUEA /4904. (Com1).

4904 **traquea** *s.f.* Parte do aparato respiratorio que comunica a larinxe cos bronquios e cos pulmóns. (PBJ).
4905 **tráquea** *s.f.* Ver TRAQUEA /4904. (Ram.).
4906 **canal da gorxa** *s.comp.m.* Traquea. (Razo).
4907 **ghorxa do sospiro** *s.comp.f.* Ver GORXA DO AIRE /4908. (Gro1).
4908 **gorxa do aire** *s.comp.f.* Traquea, por diferenza coa *gorxa da comida* ou esófago. As fontes quitadas do *Glosario de voces galegas de hoxe* definen *gorxa do aire* e *gorxia do aire* como farinxe. (Cab., Cal., Ced., Com1, Dum., Gro1, Gud., Gui., Gun., Incio, Mon., Mora5, Nove., Oirós, Porto, San., Toba, Ver1, Vil., Xun.).
4909 **gorxia do aire** *s.comp.f.* Ver GORXA DO AIRE /4908. (Mez., Mra.).

5.3.4. Os pulmóns

Representan o órgano fundamental do aparato respiratorio por ser neles onde se realiza en definitiva o intercambio gasoso.

É un órgano par, de gran tamaño, brando e elástico, situado na cavidade torácica e énchea case completamente. O tamaño depende, naturalmente, do seu contido en aire, sendo, en calquera caso, maior o dereito có esquerdo. O peso, unha vez desangrado, é duns 4 kg nos bovinos. Os pulmóns presentan sempre unha serie de cisuras no bordo ventral que os divide en lóbulos, en número e disposición variable segundo a especie; no caso dos bovinos, os pulmóns divídense en tres lóbulos, subdividíndose o lóbulo medio ou cardíaco do pulmón dereito, a súa vez, en dous. A superficie dos pulmóns aparece debuxada por un cuadriculado moi marcado, moito menos aparente ou mesmo inexistente noutras especies.

O aire penetra nos pulmóns a través da traquea, que se bifurca e forma os bronquios principais, un para cada pulmón; pero nos ruminantes (e no porco) hai un terceiro bronquio que comunica co pulmón dereito. Os bronquios, á súa vez, emiten ramificacións laterais, cada vez máis pequenas, bronquiolos, ata se converteren nos sacos alveolares, de finísimas paredes a través das que se produce a toma do osíxeno e a saída do anhídrido carbónico. Deste xeito multiplícase extraordinariamente a superficie funcional dos pulmóns.

Moi ricos en tecido conxuntivo, resultan de baixo valor nutritivo e pouco apreciados na cortadoría.

4910 **alegrías** *s.f.pl.* Pulmóns e, por extensión, conxunto das vísceras contidas na cavidade torácica. Outras fontes, como ERG, aplican esta voz só ós liviáns do porco, probablemente por se-los máis coñecidos polo común da xente. (Arc1, Cam1, Cod., Com1, CP, Cur., Dum., Feás-A, Laxe, Nove., Oirós, Pont., Razo, San., SComba, Sob., Toba).
4911 **arraiga** *s.f.* Contido da caixa torácica (pulmóns e corazón). (Com1).
4912 **arraigada 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Bofe, livián. (Bece., ERG).
4913 **arraigha** *s.f.* Ver ARRAIGA /4911. A nosa fonte escribe *arraija*. (Conxo).
4914 **asaduras 2** *s.f.pl.* Pulmóns. Non se exclúe o seu uso en singular, pero non se documenta. (Ped1).
4915 **bailantes** *s.m.pl.* Pulmóns. Non se exclúe o seu uso en singular, pero non se documenta. (Toba).
4916 **bocha** *s.f.* Ver BOCHE 1 /4918. (Mez.).
4917 **bochada 1** *s.f.* Conxunto de pulmóns, traquea e larinxe. (CP, PAre1, Xun2).
4918 **boche 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Pulmón. *Pois case todos, ademáis do seu recarto de carne (ben enteiro ou ben a partir con outros), acostuman levar tamén un anaco de fígado, boches ou bandullo pra os callos etc.* (Tebra2:23). (Arc1, Cal., CP, ERG, Goián, Gro1, Gud., Incio, Marín, Mez., Mra., Pantón, Ram., Tebra2, Ver1, Vil., Xun.).
4919 **bofe** *s.m. Ú. m. en pl.* Pulmón. En pl. recólleno CP,Pont., Sou3. "No tengo presente si el gallego usa la voz *alênto* por aliento; sé, sí, que el aliento se llama en Galicia *bafo*, *bafar*, *abafar*, *desbafar* etc. Al llegar aquí supe que *alento* también es voz gallega y es, como aliento, de la voz *anhelito*, anelito, alenito y *alento*. El *bafo* significa con más particularidad aquel vapor o vaho que echamos al respirar. Asiento a que venga de vapor y no de voz arábiga ni hebrea por lo dicho de que en Galicia no hay esas voces. Acaso del latín *vah* que es interjección del que ríe o del que hace mofa, respirando fuertemente con la risa, se diría o formaría *vaho* y *vahar* etc.; o del bufido que arroja el caballo cuando según Job, al oír el clarín, dice *vah*. El hecho es que *bafar* y *bufar* significan lo mismo más o menos; y que los livianos o pulmón, se llaman *bofe* y *bofes* en castellano, gallego y portugués por la misma razón" (FMS: *Colección 1746-1770*, tomado de DdD). (Cam1, CP, Pantón, Pont., Sou3).
4920 **bouche** *s.m.* Ver BOCHE 1 /4918. A nosa fonte define como "cavidade torácica" que nos parece inverosímil; definímolo como pulmóns por analoxía con *boches* e *bochada*. (Piñe.).
4921 **corada 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Pulmóns. Ced., Cre. e Vala. recólleno en plural. (Ced., Cre., MLP, Vala.).
4922 **legrías** *s.f.pl.* Ver ALEGRÍAS /4910. (Com1).
4923 **levián** *s.m. Ú. m. en pl.* Pulmón: denominación debida a que, por estar cheo de aire, aboia

na auga coma unha esponxa. Utilízase case exclusivamente en plural. (Común).

4924 **leviau** *s.m.* Ver LIVIÁN /4925. (Incio).

4925 **livián** *s.m.* Pulmón. (Com1, Gro1, Ped1, Toba).

4926 **liviao** *s.m.* Ver LIVIÁN /4925. Arcos rexístrao en plural. (Arcos, Cal., Com1, Gui., Gun., Mra., Pantón).

4927 **liviau** *s.m.* Ver LIVIÁN /4925. (Incio).

4928 **luvián** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver LEVIÁN /4923. (Teno.).

4929 **pelmón** *s.m.* Ver PULMÓN /4932. (Cur.).

4930 **pilmón** *s.m.* Ver PULMÓN /4932. (Mez.).

4931 **polmón** *s.m.* Ver PULMÓN /4932. (Ancares2, Com1, Cur., ERG, Feás-A, Gro1, Pantón, Per.).

4932 **pulmón** *s.m.* Órgano principal da respiración, dobre e situado na cavidade torácica. (Común).

4933 ***liviano** *s.m.* Ver LIVIÁN /4925. (Cab., Feás-A, Mon.).

4934 ***livianos** *s.m.pl.* Conxunto de pulmóns, corazón e fígado do animal. (ERG, ERQ).

5.3.5. O diafragma

Non se trata, realmente, dun órgano do aparato respiratorio, pero a súa capital intervención na función respiratoria xustifica que o incluiamos aquí.

Constitúe un músculo plano –máis exactamente, unha lámina músculo-tendinosa- que forma un tabique marcadamente convexo en dirección torácica. Separa a cavidade torácica da abdominal, inseríndose nas cartilaxes costais, no apéndice xifoide do esterno e nas vértebras lumbares. Presenta tres aberturas, polas que pasan a aorta, a vea cava e o esófago.

Cando o diafragma se contrae diminúe a súa convexidade, ó que axuda a distensión dos músculos abdominais, e con ela diminúe a presión na cavidade torácica, momento no que entra o aire nos pulmóns (inspiración). Ó cesa-la contracción do diafragma, recupera a súa forma convexa e aumenta a presión sobre os pulmóns, momento no que o aire é expirado.

Véxase o uso culinario na epígrafe 6.3.17.3.

4935 **arca 2** *s.f.* Diafragma. En dúas destas localidades (Caa. e Cab.) témolo tamén rexistrado como caixa torácica, acepción que damos como común e que resulta máis lóxica. Para entender esta información debe terse en conta que o diafragma pecha por detrás a cavidade pulmonar ou caixa torácica. (Caa., Cab., Ced., Ver1).

4936 **camisa 2** *s.f.* Diafragma. (Laxe).

4937 **crespón 2** *s.m.* Diafragma. (Vala.).

4938 **entraña 1** *s.f.* Diafragma. (Cam1).

4941 **sombras** *s.f.pl.* Ver ENTRAÑA 1 /4938. (Gro3).

4942 **tez 2** *s.f.* Diafragma. (Piquín).

4943 **touca** *s.f.* Diafragma. (Mra.).

4944 ***antretela** *s.f.* Ver *ENTRETELA /4945. (Vil.).

4945 ***entretela** *s.f.* Diafragma. Ver, en cambio, *ENTRETELAS /5279 co significado de vísceras do animal. (Incio).

4946 ***tela** *s.f.* Diafragma. (San.).

4947 ***telar** *s.m.* Diafragma. A nosa fonte considérao feminino pero coidamos que debe de ser unha errata. (Ped1).

4948 ***telilla** *s.f.* Diafragma. (PAre1).

5.4. Aparato xénito-urinario

En realidade, o aparato xenital e o aparato urinario forman dúas entidades orgánicas independentes tanto desde o punto de vista anatómico como funcional, que comparten unicamente os órganos externos, pero aquí seguirémo-lo criterio académico xa establecido de consideralos unidos.

Os órganos xenitais constan, segundo o sexo, de glándulas sexuais masculinas ou femininas, formadoras respectivamente de espermatozoides e de óvulos, de condutos excretores (coas súas glándulas accesorias) e de órganos copuladores.

Os órganos urinarios (comúns en ámbolos sexos) están constituídos polos riles (que filtran o sangue e producen a urina), os uréteres (que a conducen á vexiga), a vexiga da urina (que a recolle e almacena) e a uretra (que a expulsa); só a uretra masculina comparte funcións co aparato xenital.

Neste capítulo non faremos mención daqueles órganos como o pene, os testículos ou a vulva que, pola súa situación fóra do corpo, xa foron tratados no capítulo 2. *Exterior*.

5.4.1. Os ovarios

Trátase dun órgano par, de forma máis ou menos elíptica e duns 3,5-4 cm de lonxitude maior. Son os órganos produtores das células sexuais femininas, os *óvulos*, e difieren fundamentalmente da glándula masculina equivalente (o testículo) en que a ovulación é unha función periódica, non continua coma neste.

Outra diferenza significativa é cuantitativa: mentres que o testículo produce billóns de espermatozoides ó longo da vida do animal, no ovario só maduran uns centos de óvulos.

O corpo lúteo prodúcese trala ovulación a partir das paredes do folículo que rompeu ó se libera-lo ovocito, e a súa función é segregar proxesterona, que impide a maduración dun novo óvulo. Se hai xestación, o corpo lúteo persiste ata o momento do parto. Se non se produce a xestación, hai unha regresión ou atresia do corpo lúteo, cesa a secreción de proxesterona e reiníciase un novo ciclo. Pero en determinados casos, este mecanismo de atresia falla -*corpo lúteo persistente*- e aparece unha situación de esterilidade

Ademais da produción de óvulos, outra función esencial dos ovarios é a secreción de estróxenos e proxesterona, esenciais para o desenvolvemento dos caracteres sexuais secundarios.

4949 **avario** *s.m.* Ovario. (Cur.).
4950 **empreñadeira 2** *s.f. Ú. t. en pl.* Ovarios. (Caa., Cab., Gun., Incio, Mra., Oirós, Per., Sob).
4951 **empreñadoira 2** *s.f.* Ver EMPREÑADEIRA 2 /4950. (Com1, Gro1, Gui.).
4952 **empreñadora 2** *s.f.* Ver EMPREÑADEIRA 2 /4950. (Gui.).
4953 **ovarias** *s.f.pl.* Ovarios. (Rabeda).
4954 **ovario** *s.m.* Gónada feminina, par, onde se orixinan os óvulos. (Razo).
4955 **oveiro** *s.m.* Ovario. (Cab.).
4956 **verrugas** *s.f.pl.* Ovarios. Tamén se recolle con este significado en Dum. e Mez., pero aplicado só ó ovario da porca. É probable que este uso tan específico se deba simplemente a que a anatomía do porco resulta máis coñecida cá da vaca. (PAre1).
4957 **corpo lúteo** *s.comp.m.* Estrutura que se forma na parede do ovario trala ovulación. (CAGM).

5.4.2. O útero

Tódalas femias dos mamíferos domésticos presentan un útero bicorne, cun corpo de tamaño variable segundo a especie -moi curto nos ruminantes- e dous cornos, unidos en maior ou menor grao, que se continúan polos ovidutos ata cada ovario. Nunha vaca adulta normal, o tamaño do corpo do útero é de tan só 3-4 centímetros, aínda que dá a impresión de ser máis grande (12-15 cm) porque as partes proximais dos cornos uterinos están unidas entre si e recubertas dunha capa peritoneal común.

Os cornos uterinos, duns 35-40 cm de lonxitude media, diríxense cara adiante e cara a fóra formando unha asa espiral, talmente coma dous cornos.

No límite do útero coa vaxina existe un engrosamento considerable da parede muscular que constitúe o colo do útero ou *cervix*. A mucosa cervical emite numerosas dobras lonxitudinais, recheas dunha espesa mucosidade que ten a función de manter pechada a cavidade uterina, que só se abre durante os momentos do celo e do parto.

A parede interna do útero é normalmente lisa pero no caso dos ruminantes presenta unha serie de avultamentos denominados carúnculas ou cotiledóns que teñen como función serviren de unión e comunicación entre o útero (a nai) e as membranas fetais (a cría). Estes cotiledóns, nun número aproximado de cen, distribúense en catro liñas de 10-15 unidades cada unha, en cada corno uterino [9].

4958 **bovina** *s.f.* Matriz ou útero. (Lama).
4959 **criadeira** *s.f. Ú. m. en pl.* Matriz da vaca. Só Com1, Gro1 e Suarna o recollen en singular. (Baltar, Baña2, Bolo, Burgo, Cadrón, Car2, Com1, Estr3, Figue2, Gro1, Lañas, Laraxe, Lava., Leir-A, Lobe., Neda, PCal2, Peno., Poulo, Rib-E, Suarna, Teo, Valad2, Vedra, VFrore., Vviño).
4960 **empreñadeira 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Matriz, útero. Amandi, Arroxo, Carño2, Culle., Estr4, Gro1, Medín, Nive., Noalla, Oroso2, Saiar e Vixoán úsano en pl. (Amandi, Arroxo, Caa., Cab., Carño2, Culle., Dozón, Estr4, Gro1, Gun., Incio, Medín, Mra., Nive., Noalla, Oirós, Oroso2, Per., Saiar, Sob., Vixoán).
4961 **empreñadoira 1** *s.f.* Ver EMPREÑADEIRA 1 /4960. Arroxo recólleo en pl. (Arroxo, Com1, Gro1, Gui.).
4962 **empreñadora 1** *s.f.* Ver EMPREÑADEIRA 1 /4960. (Gui.).
4963 **liras 1** *s.f.pl.* Matriz da vaca. Úsase na expresión *salirlle as liras á vaca*. Discrepámo-los autores deste enredo sobre se a denominación evoca ou non a primitiva lira inventada por Hermes cunha cuncha de sapoconcho e mais cuns cornos e os intestinos dos bois que lle roubara a Apolo; discrepamos sobre se a matriz ten ou non vagamente a feitura desa lira. Ve-lo comentario a esta mesma voz na epígrafe 7.6.3. *Reprodución: as secundinas*. (Laraxe).

[9] Son de forma ovoide e duns 15 mm no útero non grávido. Durante a xestación toman un aspecto pedunculado e alcanzan tamaños de ata 10-12 cm de lonxitude. Presentan unha superficie esponxosa na que se fixará o corion, a máis externa das envolturas fetais.

4964 **madre** *s.f. Ú. t. en pl.* Matriz ou útero. A forma sing. dáa por común o *Glosario de voces galegas de hoxe* e outras 88 localizacións do arquivo do ILG (C:44, LU:28, OU:5, PO:10, GExt.:1). A forma pl. recóllena Callo., Cerd2, Cere., CReis2, Estr3, Gud., Lamas, Melias, Mez., Mondo2, Mour1, Noalla, PSeca, PSil, Sisán, Sisto, Troán1, Verdu., Vill-O, Xeve, Zamáns e mais ILG (C: 23). (Común).

4965 **madrigüela** *s.f. Ú. t. en pl.* Matriz da vaca. (Carr-G, Gud.).

4966 **madro** *s.m.* Matriz da vaca. Debe ser fenómeno de vocalismo átono por *madre* e temos *madroarse*, *esmadroarse* e *desmadroarse*. (Oza).

4967 **matrís** *s.f.* Ver MATRIZ /4968. (Alla2, Bar-Co., Bas., Borre., Corb., Couso, Crendes, Cunt2, Cur., Guil2, Lagar., Lestón, Morga., Mosen., Oliv., Rama., Randu., Saiar, Salv3, Somo1, Somo2, Suevos, Valad1, Vill-O, Viso1, Viso2, Vnova2. ILG (C: 21)).

4968 **matriz** *s.f.* Útero. (Abadín, Anseán, Burela1, Busta., Cab., Caban., Car2, CarbCo., Com1, Cur., Damil, Dozón, ERG, Fara., Fózara, Frei., Goián, Gui., Laxe, Lucí, Mondo2, Nove2, Razo, Ribó, Sabu2, SComba, Sende., Tab1, Taboa., Val-LE, Vala., Vrei.).

4969 **nacencia 2** *s.f.* Matriz. (Común).

4970 **nacenza 3** *s.f.* Matriz. (Arc1, Cam1, Gro1, Pont., Sou3).

4971 **nai** *s.f.* Matriz da vaca. (Buga-A, Pal., Vnova2).

4972 **naturas** *s.f.pl.* As nosas fontes definen como "matriz da vaca", aínda que normalmente *natura* designa a vulva. (Alence, Negral).

4973 **netura 2** *s.f.* Ver NATURAS /4972. (Negra.).

4974 **preñadeira** *s.f. Ú. t. en pl.* Matriz da vaca. Pravio recólleo en pl. (Arme., Pravio).

4975 **ralleira** *s.f.* Matriz da vaca. En Neves2 chámanlle *ralleira branca*. (Cang2, Neves2).

4976 **útero** *s.m.* Órgano do aparato sexual feminino onde ten lugar o desenvolvemento do feto. (ERG).

5.4.3. A placenta

É un órgano carnoso que comunica os vasos sanguíneos da nai cos do feto para lle dar a este os nutrientes e mailo osíxeno necesarios para que se desenvolva, elementos que achega o sangue da nai. Ademais desta función trófica tamén ten unha función protectora do feto (actúa como unha barreira contra as infeccións e intoxicacións) e unha función hormonal.

A placenta fórmase sobre esas carúnculas uterinas que describimos no apartado anterior. Volveremos falar deste órgano na epígrafe 7.6.3. *Reprodución*: *as secundinas*.

5.4.4. A vaxina

É un órgano tubular, de 12 a 30 cm de lonxitude na vaca, que constitúe o órgano copulador das femias. Comunica co exterior a través da vulva e no outro extremo ábrese o útero; na súa parede ventral desemboca a uretra feminina, a uns 10-12 cm da comisura da vulva. As paredes da vaxina, moi laxas, están formadas por unha mucosa moi rica en glándulas mucosas (as responsables da secreción da mucosidade característica dos períodos de celo) e con abundantes pregos lonxitudinais.

4977 **nacedoiro 2** *s.m.* A nosa fonte define deste xeito: "parideiro é o nacedoiro". (Parade.).

4978 **nacenza 2** *s.f.* Vaxina. *É por onde sae o becerriño*. (Cam1).

4979 **parideiro 2** *s.m.* Vaxina, se ben a estreitez á que alude a nosa fonte como causa dunha cesárea só se dá no cinto pelviano. *Cando a vaca non pode parir por ser estreita do 'parideiro', saca-se-lle a cría pola barriga.* [...] *'Parideiro' é o nacedoiro*. (Parade.:275).

4980 **verruga 2** *s.f. pop.* Clítoris. Laureano Prieto recolle a seguinte práctica con intención terapéutica: "Las vacas que *andan ao boi* y no quedan cubiertas, es generalmente porque se les han desarrollado ciertas verrugas en la entrada de la vagina, cerca del meato urinario; cuando sucede esto, un hombre que entiende de estas cosas por haber presenciado otros casos, raja esas verruguitas con un trozo de pedernal, es imprescindible hacer sangre" (Gud7:51-52). Sendo posible que poidan aparecer verrugas na pel da vulva (que, en calquera caso, non afectarían para nada a capacidade reprodutora da vaca), o noso informante en Dozón asegúranos que a tal verruga é o clítoris; e constata ademais a práctica local de facelo sangrar por crer que a sangradura axuda á fecundación e testemuña que na súa práctica de inseminación observou varios casos nos que a vaca, que el viña inseminar, presentaba restos de sangue fresco, indicio de que alguén realizara a tal sangradura antes de chegar el. (Dozón).

4981 ***vaghilla** *s.f.* Vaxina. O informante distingue entre *vaghilla*, como vaxina, e *madre*, como matriz. (Gro4).

5.4.5. Os riles

Os riles son órganos glandulares, de secreción externa, coa función de filtrar e separar do sangue tódalas substancias estrañas para manter unha composición normal e constante. O líquido excretado por estas glándulas recibe o nome de urina.

Son órganos pares, relativamente grandes (nos bovinos, de 16 a 25 cm de lonxitude por 8 ou 9 de anchura, cun peso que oscila entre os 500 e os 750 g), situados no teito da cavidade abdominal, na zona lumbar, normalmente a ámbolos lados do corpo se ben, no caso dos ruminantes, os dous están desprazados sobre o lado dereito, case un detrás do outro. Están recubertos dunha cápsula conxuntiva, moi rica en graxa, que actúa, en parte, como depósito graxo do organismo.

O bordo medial dos riles presenta unha zona afundida ou fosa, na que está situada a pelve renal, por onde entran e saen os vasos sanguíneos e os nervios, e onde se reúnen os condutos colectores da urina. Da pelve renal tamén saen os uréteres, que transportan aquela á vexiga.

A forma dos riles semella, en case tódolos animais de abasto, á dunha faba de grosor variable segundo a especie. Non obstante, nos bovinos posúen unha forma e superficie totalmente diferentes, irregularmente ovais e moi aplanados, coa superficie profusamente dividida por numerosos sucos, carácter que os fai inconfundibles.

Desde o punto de vista bromatolóxico, e como pezas de cortadoría, só se consomen os procedentes de animais novos, pois ó maduraren fanse fibrosos e duros de máis.

4982 **rens 1** *s.m.pl.* Riles. (ERG, Gro1).
4983 **reñón** *s.m.* Ril. (Com1, Gui., Razo).
4984 **ril** *s.m.* Cada unha das dúas glándulas situadas no lombo que filtran o sangue e excretan a urina. (Común).
4985 **rileira** *s.f.* Riles. (ERG).
4986 **ringle** *s.m.* Ril. (San.).
4987 **rinle** *s.m.* Ril. (Ced., Com1, Dum., Razo, San.).
4988 **riñón 1** *s.m.* Ril. No Grove algúns chámanlle *riñón* ó da vaca e *ril* ó do porco. (Ced., Com1, Cre., Feás-A, Fri., Goián, Gro1, Gud., Laxe, Marín, Mon., Porto, Ram.).
4989 **roñón 1** *s.m.* Ver RIÑÓN 1 /4988. (Com1, Cur., Mon., Oirós, Toba).

O boi e o leitón, en xaneiro crían riñón. (ERG:boi; UCA:36.13; UCA2:49; VLLM:1,146; XAB1:38; ZM:163, ZM:261; VS)[10]

5.4.6. A vexiga da urina

Trátase dunha bulsa músculo-membranosa, de paredes moi estensibles, situada na cavidade pelviana. Recolle e almacena a urina ata o momento da súa expulsión pola uretra.

A uretra consiste nun tubo membranoso que sae da vexiga e que se dirixe ó exterior. A uretra feminina, de 10-12 cm de lonxitude, desemboca na parte ventral da vaxina. A uretra masculina recibe na súa parte media o conduto deferente (procedente dos testículos) e o conduto excretor das vesículas seminais, constituíndo a partir deste momento o chamado canal uroxenital, por compartir ámbalas dúas funcións, ata desembocar no vértice do pene.

4990 **incha 1** *s.f.* Ver VINCHA 1 /4993. (Com1).
4991 **mexa 1** *s.f.* Vexiga dos ouriños. (Laxe, Razo, SComba).
4992 **mexalleira** *s.f.* Vexiga dos ouriños. (Gui.).
4993 **vincha 1** *s.f.* Vexiga da urina. (Com1, Cur., ERG, Grixó, Gui., Mel1, Mon., Nove., Oirós, Pantón, Sob.).

5.5. Aparato circulatorio

Está constituído polo corazón e os vasos sanguíneos: veas, arterias e capilares, así como polos vasos linfáticos.

[10] Como en xaneiro non se traballa no campo os bois descansan na corte e poden engordar. Chámase *criar riñón* a acumular graxa os animais gordos, sobre todo arredor dos riles. Llópiz recólleo na Fonsagrada. No texto: *niñón* [sic] (UCA); *leitao, niñao* (UCA2); *i o leitón* (XAB1); *leirón* (sic), nos dous casos (ZM). VS ofrece estas equivalencias: P.: *O boi e o leitão, em janeiro criam rinhão* (Chaves); E.: *El buey y el lechón en enero crían riñón.* (R. Marín).

O sangue consta dunha fracción plasmática e unha fracción celular (glóbulos vermellos, brancos e plaquetas) suspendida naquela. Cumpre a función de transportar a tódalas células do organismo osíxeno e substancias nutritivas e recolle as substancias de refugallo que dirixe ós sistemas de excreción. A estas funcións respiratoria e nutritiva únense outras non menos importantes: de defensa ou inmunitaria (transporte de anticorpos e de leucocitos), reguladora do equilibrio hídrico do organismo, transporte de hormonas (desde as glándulas de síntese ata os órganos efectores) e transporte de calor.

5.5.1. O corazón

É un órgano muscular, oco, que funciona como unha bomba de succión e impulsión para move-lo sangue e a linfa polos vasos sanguíneos do corpo enteiro.

Sitúase no espazo medio do tórax, apoiado no esterno, e está constituído polo *pericardio*, un saco fibroso que recobre o corazón, o *miocardio*, ou músculo cardíaco, o *epicardio*, ou capa visceral do corazón, e o *endocardio*, capa endotelial que recobre internamente as cavidades cardíacas. O corazón dos bóvidos presenta a superficie marcada por tres sucos, cubertos normalmente por un sebo abundante e branco. Nun boi adulto pesa unha media de 2,5 kg.

Resulta característica da especie a presenza de dous ósos no interior do músculo do corazón, duns 4 centímetros (o esquerdo é menor e ás veces falta).

4994 **carazón** *s.m.* Corazón. ERG cita o Vocabulario da Crónica Troiana. (ERG).
4995 **corada 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Corazón. (Cab.).
4996 **corazón** *s.m.* Órgano oco muscular que impulsa o sangue ás arterias. (Común).
4997 **corozo 2** *s.m.* Corazón. Nalgunhas comarcas lucenses. (ERG).

5.5.2. Os vasos sanguíneos

Falamos agora das arterias e as veas. As arterias son os vasos sanguíneos que distribúen o sangue desde o corazón a tódolos órganos e tecidos do organismo, dividíndose unha e outra vez en arterias secundarias cada vez máis finas.

A *aorta* é a principal arteria do corpo. Nace no ventrículo esquerdo do corazón e diríxese cara atrás dando lugar a distintas ramificacións ou arterias secundarias para leva-lo sangue osixenado ó resto do corpo.

As veas son os vasos sanguíneos que recollen o sangue dos distintos órganos e o levan cara o corazón. Dispóñense polo xeral dun xeito equivalente ás arterias, pero distínguense polo seu menor diámetro e as paredes máis finas.

Polo que parece, veas e arterias pásanlles desapercibidas ós nosos informantes e a consecuencia é que non atopamos ningunha denominación popular para estes órganos. Segundo di ERG, os nosos campesiños chaman veas tanto ás veas propiamente ditas como ás arterias, e así din correntemente *a vea aorta*.

Aínda así hai que citar dúas excepcións: a vea xugular e as veas mamarias, para as que si atopamos denominacións populares. A explicación parece obvia: nos dous casos son veas moi superficiais que se visualizan ó exterior, marcándose patentemente baixo a pel.

Canto ás veas mamarias, véxase a explicación que demos na epígrafe 2.3.20.4. *Exterior*, e as voces alí recollidas.

5.5.2.1. As veas

4998 **vea** *s.f.* Vaso sanguíneo que leva o sangue desde os diferentes órganos e tecidos cara ó corazón. (Feás-A).
4999 ***vena** *s.f.* Vea. (Cod., Com1, Gro1, Pantón, Ram.).

5.5.2.2. A xugular

A xugular é a vea par que recolle todo o sangue da cabeza e baixa cara ó tronco a ámbolos dous lados do pescozo. Pode explorarse facilmente nas táboas laterais do pescozo.

5000 **corda 3** *s.f.* Vea xugular. (Feás-A).
5001 **cordovea** *s.f.* Ver XUGULAR /5002. (GAL, XER).
5002 **xugular** *s.f.* Cada unha das dúas veas principais que baixan a ámbolos dous lados do pescozo. (ERG).

5.5.3. O sistema linfático

O sistema linfático representa un elemento fundamental de defensa do organismo fronte ós axentes infecciosos e o seu obxectivo é evita-la difusión dos microorganismos desde a porta de entrada ó resto do corpo, impedindo así as infeccións.

Está constituído por unha rede de vasos linfáticos nos que se intercalan os ganglios linfáticos. Funcionalmente o sistema linfático é subsidiario do sistema venoso do aparato circulatorio (no embrión orixínase a partir deste).

Os vasos linfáticos son semellantes ás veas, coas paredes máis delgadas e provistos de numerosas válvulas. Transportan a linfa, un líquido incoloro rico en linfocitos e substancias procedentes da dixestión.

5.5.3.1. Os ganglios linfáticos

En condicións normais, a maioría dos ganglios linfáticos, ou nódulos, só son apreciables cando están infartados a consecuencia dunha resposta orgánica a algunha infección, de tal xeito que a tumefacción dun ganglio posúe un indubidable valor diagnóstico, aínda que inespecífico, sobre a existencia de enfermidades infecciosas de evolución crónica. Por esta razón, o exame dos ganglios explorables, no momento da compra ou no sacrificio, debe facerse sistematicamente en vacas e bois adultos.

A exploración de certos ganglios linfáticos permítelle ó inspector veterinario (e tamén ó gandeiro e ó tratante con suficiente experiencia) facerse unha idea do estado de saúde do animal que se está a examinar. Desde este punto de vista interésannos máis aqueles que son explorables en vida, por palpación, xa que os que están situados interiormente, entre as vísceras, só teñen interese no recoñecemento sanitario das carnes no matadoiro e quedan, naturalmente, fóra do alcance de gandeiros e tratantes.

Na cabeza pódense atopar tres: o ganglio mandibular ou submaxilar, na cara interna do ángulo formado polo bordo inferior da queixada; o ganglio parotídeo, xusto debaixo do pavillón auricular, a nivel da articulación maxilar; e os ganglios retrofarínxeos, situados uns a ámbolos lados da parede dorsal da farinxe e outros baixo as ás libres da vértebra atlas.

No tronco podénse explorar outros tres: os preescapulares (ou ganglios cervicais superficiais), situados a uns 10-15 centímetros por diante e por riba da articulación escápulo-humeral ou *do encontro*; os precrurais ou inguinais, por diante e por riba da rótula e detrás da fosa da illarga; e os ganglios retromamarios –nas vacas-, situados na base do perineo, sobre o ubre, ou os ganglios inguinais superficiais –nos bois-, situados por detrás do cordón espermático, na parte superior do escroto.

No apartado 8.8.9. *Patoloxía: linfoadenite*, citarémo-las denominacións populares para a infartación dos ganglios linfáticos.

5.5.3.2. O bazo

É un órgano vascular, macizo, alongado e plano, situado cerca do fígado, entre a panza e o diafragma. Nos bóvidos toma a forma dunha lingua de igual anchura en toda a súa lonxitude, que é duns 40 a 50 cm, dunha cor entre castaña avermellada e gris azulenta. Intervén na formación dos linfocitos ou glóbulos brancos e na formación e destrución dos eritrocitos ou glóbulos vermellos, ademais de actuar como reserva destes elementos sanguíneos. Tamén está relacionado coa defensa do organismo fronte ás infeccións.

Non ten interese na cortadoría –non é comestible- senón que se destina á industria de transformación ou, antes, como alimento dos cans.

5003 **baceira 1** *s.f.* Bazo. (VLLM).

5004 **bacio** *s.m.* Bazo. (Piquín).

5005 **balboreta** *s.f.* Bazo. ¿Chamaráselle así por ser plano e longo? (Pont.).

5006 **bazo** *s.m.* Víscera vascular, próxima ó fígado. Defende das infeccións e actúa na formación e destrución das hemacias. (Ctel1, Lama).

5007 **paxara 1** *s.f.* Bazo. Lémbrense os nomes de *balboreta* e *paxarela*. (Cam1, Dum., Gud., Mez., Mra., Ram., Ver1).


5008 **paxareira** *s.f.* Ver PAXARELA 1 /5009. (Goián).

5009 **paxarela 1** *s.f.* Bazo. Aplícase maiormente ó do porco e, así, significa "bazo do porco" en ERG, CP e no *Glosario de voces galegas de hoxe*. En castelán temos, co mesmo significado, *pajarilla*. (Común).

5010 **paxariña** *s.f.* Ver PAXARELA 1 /5009. (Dum., Ver1, Vil.).

5011 **paxarola** *s.f.* Ver PAXARELA 1 /5009. (Com1, Nove., Ver1, Xun.).

5.5.3.3. O timo



Timo do becerro (P.Popesko: *Atlas de Anatomía*).

Glándula de secreción interna que tamén cumpre funcións inmunitarias, formando parte do sistema linfático. Sitúase na gorxa, á entrada do peito, unido á traquea, pero só está presente nos animais novos, pois vai atrofiándose ó medraren ata case desaparecer nos adultos. É de cor abrancazada (en castelán recibe, entre outros, os nomes de *molleja blanca* ou *lechecilla*).

Debe a súa verdadeira importancia a que realiza unha función inmunitaria e colabora na constitución do sistema linfático e na formación de anticorpos específicos.

5012 ***molexa** *s.f.* Timo. No *Glosario de voces galegas de hoxe* rexístranse nove variantes de *molexa* pero, pola forma en que aparecen definidas, non podemos asegurar que se refira á *molexa* dos bovinos e non á moega das aves. É sabido que esta glándula só existe nos animais novos e que resulta fundamental para o seu medrío e desenvolvemento inmunitario, atrofiándose en todos posteriormente. Como os únicos animais que se sacrifican novos son os becerros, a única *molexa* que se aproveita para comida é a dos becerros. Tamén cómpre lembrar que a moega das aves nada ten que ver con esta *molexa*, xa que aquela é un dos órganos característicos do aparato dixestivo das aves granívoras. As variantes que rexistra o *Glosario* son *moega* (Com1, Sob.), *moella* (Mel1, Ram.), *moelle* (Mra.), *moiega* (Caa., Cab.), *mola* (Dum.), *muega* (Cod., Com1, Sob.), *muela* (Goián, Gro1, Oirós), *muella* (Nove.) e *muelle* (Cal., San., Ver1). (Cam1, ERG, Gro3).

5012b **carnes brancas 2** *loc. s. pl.* Timo ou *molexa*. (PSon).

5013 **carnes mortas 2** *loc. s. pl.* Timo ou *molexa*. (Ver1).

5.6. Sistema nervioso

Conxunto de tecidos e órganos que transmiten os impulsos nerviosos. A función do sistema nervioso pódese simplificar na recepción de sensacións e estímulos externos, captados por estruturas sensoras periféricas, e na transmisión dos impulsos de resposta desde os órganos centrais, cerebro e medula, ós órganos efectores, resposta que determinará a contracción ou a relaxación muscular e outras respostas fisiolóxicas.

Está formado por un tecido constituído por células moi especializadas que dan lugar, por un lado, ó sistema nervioso central (encéfalo e medula espiñal) e, por outro, ó sistema nervioso periférico (os nervios).

5.6.1. O cerebro

É o órgano principal do sistema nervioso central, aloxado no interior da cavidade craneal. Xunto co cerebelo e o bulbo raquídeo -situados caudalmente en relación ó cerebro - constitúe o *encéfalo*, órgano rector das funcións de relación do animal.

De forma ovalada ou trapezoidal e dun peso duns 400-550 g nos bovinos, está dividido lonxitudinalmente en dous hemisferios por unha profunda cisura, e na superficie presenta numerosos sucos que delimitan as denominadas circunvolucións cerebrais, avultadas e flexuosas, que nos bovinos son máis escasas e achairadas que noutras especies.

Dada a importancia capital que supón para a vida do animal asegura-la integridade do encéfalo fronte a calquera agresión externa, dispón ademais da protección mecánica que representa o cranio -ou as vértebras no caso da medula espiñal- dunha estrutura especial denominada meninxe e composta por tres membranas superpostas: duramáter, aracnoide e piamáter, que deixan entre elas uns espazos nos que se atopa o líquido cerebro-espiñal.

Baixo o nome comercial de *miolos* ou *sesos*, constitúe outro dos miúdos brancos máis apreciados. Resultan moi nutritivos pero cun contido en colesterol moi alto, polo que deben estar prohibidos na alimentación das persoas dos grupos de risco. Lémbrese que os únicos miolos (de vacún) que podemos atopar na cortadoría proceden de exemplares menores de 12 meses de idade, pois a partir deste límite deben retirarse do consumo pola posibilidade de transmiti-la enfermidade das vacas tolas.

5014 **celebre** *s.m.* Ver CEREBRO /5016. (Ced., Feás-A, Mra.).
5015 **celebro** *s.m.* Ver CEREBRO /5016. (Común).
5016 **cerebro** *s.m.* Miolos. (Com1, Goián, Sob.).
5017 **ideas** *s.f.pl.* Ver MIOLOS /5023. Sorprendente denominación metafórica que parece implica-la crenza nalgún tipo de pensamento nas vacas. (Pont.).
5018 **meiolos** *s.m.pl.* Ver MIOLOS /5023. (Com1).
5019 **meolos** *s.m.pl.* Ver MIOLOS /5023. ERG úsao en singular pero dálle significado plural. (Arc1, Dum., ERG, Marín, Sou3).
5020 **migolos** *s.m.pl.* Ver MIOLOS /5023. (Com1).
5021 **miolada 1** *s.f.* Miolos dunha res. (ERG).
5022 **miolas** *s.f.pl.* Ver MIOLOS /5023. (Xun.).
5023 **miolos** *s.m.pl.* Masa encefálica, formada polo cerebro, o cerebelo e mailo bulbo. Crespo Pozo explica que "*Miolo* es el juicio; *miolos*, los sesos y, por extensión, el cerebro". (Común).
5024 **molas** *s.f.pl.* Ver MIOLOS /5023. En singular recólleo Arcos. (Arcos, Burón, Ced., Per., Suarna).
5025 **molos** *s.m.pl.* Ver MIOLOS /5023. (Caa., Cab., Fri., Gun., MLP).
5026 **sesamia** *s.f.* Ver *SESOS /5028. Tamén se aplica, despectivamente, ós dunha persoa. (ERG).
5027 **seseira** *s.f.* Ver *SESOS /5028. (Arc1).
5028 ***sesos** *s.m.pl.* Miolos. Denominación de cortadoría. (Com1, Cur., ERG, Gro1, Gud., Incio, Laxe, Razo).
5029 ***sexos** *s.m.pl.* Sesos. Híbrido cast.-gal. (Laxe).
5030 **mola da cabeza** *s.comp.f.* Ver MOLAS /5024. (Piquín).

5.6.2. A medula espiñal

É a parte do sistema nervioso central caudal ó encéfalo, coa forma dun cordón cilíndrico, un pouco aplastado dorso-ventralmente, e aloxado na canle vertebral, desde o bulbo raquídeo ata a metade do óso sacro ó longo de todo o espiñazo. Dela parten os nervios que inervan tódolos órganos do corpo, e ten como función transmiti-los impulsos nerviosos nun e noutro sentido.

Non ten interese ningún na cortadoría. Menos que nunca agora que é un dos materiais posiblemente responsables da transmisión ó home da variante humana do mal das vacas tolas, polo que debe retirarse obrigatoriamente no matadoiro.

5031 **caracú** *s.m.* Medula espiñal. (SComba).
5032 **michiola** *s.f.* Medula espiñal. (Mra.).
5033 **michola 2** *s.f.* Medula espiñal. (Cal.).

5.7. Aparato locomotor

O aparato locomotor está formado por músculos, ósos e cartilaxes. Dos primeiros falaremos no capítulo 6. *A vaca na alimentación* porque como elementos anatómicos non teñen nome popular: este téñeno como carne, como pezas de cortadoría. Fóra duns poucos termos xenéricos, recollemos só os nomes dos ósos e dos poucos artellos que teñen nome popular.

5034 **músculo** *s.m.* Tecido orgánico de natureza fibrosa que permite o movemento. (Com1, Feás-A, Porto, Ram., SComba).

5035 **muslo 1** *s.m.* Ver MÚSCULO /5034. (Incio, Ped1, Per., SComba).

5036 **nervio 3** *s.m. pop.* Músculo. Cabe supoñer que as nosas fontes se refiran só ós músculos que destacan na pel, non a calquera músculo. Lembre o lector as outras acepcións que coñecemos de *nervio* e que ben poden estar implícitas nesta entrada. Se as nosas fontes dan agora *nervio* co significado de "músculo", noutros casos designan así os tendóns musculares que destacan ó exterior, baixo a pel, ou as aponeuroses musculares que se aprecian na carne e dificultan a mastigación. (Burón, Cab., Cal., Mra., Sob., Suarna).

5.7.1. Os tendóns

Os tendóns son feixes de fibras coláxenas que unen os músculos ós puntos de inserción dos ósos para lles transmitiren a estes a forza da contracción muscular e provocaren o movemento da articulación correspondente. Toman a forma de madeixas de fibras, brancas, brillantes e pouco extensibles. Cando se trata dun músculo fusiforme adoitan ser redondeados, como cordas, mentres que no caso de músculos planos son laminares.

5037 **balastón** *s.m.* Ligamento que une os músculos da perna ó óso calcáneo. (Arroxo).

5038 **balastrón** *s.m.* Ver BALASTÓN /5037. Aníbal Otero considérao "tendón", en xeral. (Piquín).

5039 **balestón** *s.m.* Ver BALASTÓN /5037. (Made.).

5040 **balistrón** *s.m.* Ver BALASTÓN /5037. ¿Terá que ver cos nervios retortos que ás *balistas* romanas lles daban a tensión necesaria para o disparo, no lanzamento de pedras? *Quadratus eminet stilus extentius, recto canalis angusti meatu cavatus, et hoc multiplici chorda nervorum tortilium inligatus*: así as describe Ammiano Marcelino (23,4-2). (ERQ).

5041 **ballestón** *s.m.* Ver BALASTÓN /5037. (Liñ.).

5042 **corda 4** *s.f.* Tendón dos músculos que destaca ó exterior. (Caa., Cab., Com1, CP, Cur., Feás-A, Gui., Gun., Toba).

5043 **cordova** *s.f.* Tendón e aponeurose da carne, que abunda máis nas pezas de menor categoría. (Ver1).

5044 **cordoveo** *s.m.* Resalte que a modo de cordón pode observarse na pel dunha persoa ou animal, así como nun vestido ou tea. Piquín escribe *cordobeo*. É sabido que *cordobán* é coiro de cabra (ERG, GAL, XER) e que se tende a relacionala etimoloxicamente coa cidade Córdoba: o DRAE ofrece esta explicación: *cordobán* ("Piel curtida de macho cabrío o de cabra. De Córdoba, ciudad de fama en la preparación de estas pieles"). Coidamos que é por esta razón pola que encontramos en galego escrito, ás veces, *cordobeo* e *cordoba* pero debe repararse en que as palabras galegas *cordoba*, *cordovea* e *cordovela* son graves, non esdrúxulas, e por iso non cremos que a *cordova* teña que ver coa cidade de Córdoba e, por parte, *cordoba*, escrito así, só aparece no *Glosario de voces galegas de hoxe*. Téñase presente que aquí non estamos falando de coiros senón de tendóns que resaltan baixo a pel, tanto nos animais (vacún e suíño: os tendóns das patas do porco son as *cordoveas*) coma nos seres humanos, como verdadeiras cordas que están tensas baixo a pel. Por outra banda Sarmiento escribe *cordovélas* e defíneas como "Son los músculos de la garganta. De cordas. CatálogoVF 1745-1755". E LCA1, a quen seguen IBA e XLFG, *cordoveas*, como "Venas yugulares". Nestes casos vemos que escriben con uve. Na sospeita de que estamos ante palabras de diferente orixe, aínda que con dúbidas, optamos por escribir con uve as palabras deste grupo, aínda que recoñecemos que Aníbal Otero supón outra etimoloxía (*curdibiola*), e esta tamén con be, cando define a voz *cordobeo* como "m. Resalto pequeño y continuado, a manera de cordón, que puede ofrecer la piel de una persona o animal, un vestido o tela". (Piquín).

5045 **liña** *s.f.* Tendón. *Saíulle unha liña do seu sitio*. (Fra.).

5046 **nervio 2** *s.m. pop.* Tendón. (Com1, Gud.).

5047 **pelo 1** *s.m.* Ligamento cervical, que une as apófises espiñosas das vértebras cervicais e primeiras dorsais co cranio. O noso informante explica que é "unha corda que hai no cuello. Non hai quen a coma". (Noalla3).


5048 **tendón** *s.m.* Feixe de febras polo que se fixan os músculos nos ósos. En plural recólleno Vcova., Vxoán. (*tendóns*); Eixo e Negra. (*tendós*). Vcova. e Vxoán. dan *tendóns* como resposta á pregunta "corvejón de las patas traseras"; coidamos que este é un caso de atribución do nome da parte dun músculo ó lugar onde ela asenta e por esa razón clasificámolo aquí. (Com1, Cur., Dum., Eixo, Fara., Gud., Laxe, Mra., Negra., Per., Porto, San., SComba, Vcova., Vil., Vxoán, Xun.).

5049 **toldón** *s.m.* Ver TENDÓN /5048. (Bas., Cod., Com1, Tab1).

5050 **tondón** *s.m.* Ver TENDÓN /5048. (Com1, Ram., Razo).

5051 **tendón da pata** *s.comp.m.* Ligamento que une os músculos da perna ó óso calcáneo. (Lestón).

5.7.2. Osteoloxía



Esqueleto da vaca (P.Popesko: *Atlas de Anatomía*)

5.7.2.1. Os artellos

5052 **artello** *s.m. Ú. m. en pl.* Articulación. Os nosos informantes refírense preferentemente á articulación tibio-tarsiana. (Común).

5053 **articulación** *s.f.* Unión dun óso con outro, maiormente cando fan xoga. Cómpre advertir que, en sentido estrito, *articulación* designa calquera unión entre dous ósos, teña ou non movemento. Na maioría das articulacións os ósos presentan unha movilidade evidente, máis ou menos completa, pero non podemos esquecer que hai casos nos que o movemento está moi reducido (como tal, nas articulacións entre as vértebras ou entre estas e as costelas) ou mesmo é inexistente (como tal, as unións entre os ósos do cranio, chamadas sinartroses). Mesmo nestes casos, a denominación de *articulación* segue sendo válida. (ERG).

5054 **xoga 1** *s.f.* Articulación tibio-tarsiana. (Común).

5055 **xógara** *s.f.* Ver XOGA 1 /2018. (Ced.).

5056 **xogo** *s.m.* Ver XOGA 1 /2018. (Caa., Ced., Com1, Fri., Laxe, Mel1, Mez., Sob.).

5057 **xugadeira** *s.f.* Ver XOGA 1 /2018. (Incio, Per.).

5.7.2.2. Os ósos

5058 **osamenta** *s.f.* Esqueleto. (ERG).

5059 **oseira** *s.f.* Esqueleto. (ERG).

5.7.2.3. Os ósos da cabeza

5060 **casco 4** *s.m.* Cranio. (ERG).

5061 **faceira** *s.f.* Queixada. Aplícase maiormente ó óso correspondente do porco. (ERG).

5062 **queisada** *s.f.* Ver QUEIXADA 1/ 5063. (Com1).

5063 **queixada 1** *s.f.* Mandíbula inferior. (Común).

5064 **queixal 1** *s.m.* Ver QUEIXADA 1 /5063. As nosas fontes recollen a forma de plural *queixás*. (Cal., Ram., Ver1, Xun2).

5065 **queixao** *s.m.* Ver QUEIXADA 1 /5063. (Mra.).

5066 **queixelo 2** *s.m.* Ver QUEIXADA 1 /5063. (Piquín).

5067 **quixada** *s.f.* Ver QUEIXADA 1 /5063. (Com1).

5068 **óso da queixada** *s.comp.m.* Ver QUEIXADA 1 /5063. (Saln.).

5069 **óso do fuciño** *s.comp.m.* Parte anterior do óso maxilar e mailo óso e cartilaxes nasais. (Saln.).

5070 **óso da faceira** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver ÓSO DO FUCIÑO /5069. (Arc1, Sou3).

5071 **ósos da testa** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ósos da parte frontal da cabeza. (Arc1, Sou3).

5072 **ósos do oído** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Parte onde asenta o oído. (Arc1, Sou3).

5.7.2.4. A columna vertebral

O conxunto das vértebras forma a columna vertebral, que acolle no seu interior o canal vertebral por onde baixa a medula espiñal. Por razóns de estabilidade corporal e de funcionalidade, a columna non ten unha dirección recta, senón que adopta unha forma máis ou menos ondulada.

5073 **aghulla 3** *s.f.* Parte anterior do espiñazo. Por ext. espiñazo da vaca. (Tab1).
5074 **arambelo** *s.m.* Espiñazo da vaca. (Bas., Com1, Laxe, Nive., Rus).
5075 **aranghelo** *s.m.* Ver ARANGUELO /5077. Supoñemos que representa a gheada o que a nosa fonte escribe *arangelo*. (Figue2, Ortoño).
5076 **aranguela** *s.f.* Ver ARANGUELO /5077. (Baña2).
5077 **aranguelo** *s.m.* Espiñazo da vaca. (Bidu., Calo, Com1, Covas, Razo, San., Sofán).
5078 **aranquelo** *s.m.* Ver ARANGUELO /5077. (Buga-A, Com1, Figue1, Laxe, Negr2, Noice., San.).
5079 **arantela** *s.f.* Ver ARANGUELO /5077. (Com1).
5080 **arapubilo** *s.m.* Espiñazo da vaca. (Couce).
5081 **arelo** *s.m.* Espiñazo. (Agro., Cast., Com1, Conxo, Eixo, Nove., Oroso1, Sob.).
5082 **arombelo** *s.m.* Espiñazo da vaca. (Com1, Oroso2).
5083 **arzón** *s.m.* Espiñazo da vaca. (Carb3, Lañas, Lendo, Noice, Razo).
5084 **cluna** *s.f.* Columna vertebral. (Com1).
5085 **coluna** *s.f.* Columna vertebral. (Caa., Cal., Cod., Com1, Fri., Gud., Incio, Mon., Porto).
5086 **entrecosto 2** *s.m.* Espiñazo. Dise propiamente do do porco. (ERG).
5087 **espín** *s.m.* Ver ESPIÑAZO /5091. (Burón, Suarna).
5088 **espinacio** *s.m.* Ver ESPIÑAZO /5091. (Ver1).
5089 **espiña** *s.f.* Ver ESPIÑAZO /5091. (Gro1, Mondo1, Pantón, SComba, Vala1).
5090 **espiñaso** *s.m.* Ver ESPIÑAZO /5091. (Borre., Dum., Morai., Negr2, Noal, Rama., Randu., Ribe1, Vcova).
5091 **espiñazo** *s.m.* Columna vertebral. (Común. ILG:31 (C:7, LU:10, PO:14)).
5092 **espiñela** *s.f.* Ver ESPIÑAZO /5091. (Busta., Goián).
5093 **gabuñazo** *s.m.* Espiñazo. (Made.).
5094 **gromo** *s.m.* Espiñazo da vaca. (Ben.).
5095 **gubiñazo** *s.m.* Espiñazo. (Piquín).
5096 **orelo** *s.m.* Espiñazo. (Com1).
5097 **orombelo** *s.m.* Espiñazo. (Com1).
5098 **ourelo** *s.m.* Espiñazo. (Com1).
5099 **rosairo** *s.m.* Ver ROSARIO /5100. (Mez.).
5100 **rosario** *s.m.* Espiñazo. (Arroxo, Burón, Ced., Cubi2, Estr4, Meira2, Sob., Suarna, Xudán1).
5101 **soá** *s.f.* Espiñazo da vaca. (Consta., Gud5, JMP).
5102 ***espinazo** *s.m.* Ver ESPIÑAZO /5091. (Gud., Gui., Lamas, Mon.).
5103 **arelo do lombo** *s.comp.m.* Espiñazo da vaca. (Arzúa2, Callo., Lucí, Poulo, Rendal, Vviño).
5104 **armón do lombo** *s.comp.m.* Espiñazo. (ERG, Suevos).
5105 **aro do lombo** *s.comp.m.* Espiñazo da vaca. (Alla2, Arca, Codeso., Com1, Cur., Leir-A, Medín, Mel1, Pre., Teo).
5106 **aro do tambo** *s.comp.m.* Espiñazo da vaca. (Fuxás).
5107 **arzón do lombo** *s.comp.m.* Espiñazo da vaca. (Lestón).
5108 **espiña do lombo** *s.comp.f.* Ver ESPIÑAZO /5091. (Com1).
5109 **espiña dosal** *s.comp.f.* Ver ESPIÑAZO /5091. Non excluímos un posible erro mecanográfico do amanuense. (Valad1).
5110 **espiña lombo** *s.comp.f.* Ver ESPIÑAZO /5091. Supoñémolo erro por *espiña do lombo* pero polo si ou polo non respectámo-la fonte. (Pade.).
5111 **espiñaso do lombo** *s.comp.m.* Ver ESPIÑAZO /5091. A fonte di *españiso* que supoñemos fallo disléxico ó escribir. (Verdía).
5112 **fío do lombo** *s.comp.m.* Espiñazo da vaca. (Caa., Cab., Com1, Cur., ERG, Feás-A, Gro5, Gui., Laxe, Mel1, Toba. ILG:36 (C:20, LU:7, OU:5, PO:4)).
5113 **fío do *riñón** *s.comp.m.* Ver FÍO DO LOMBO /5112. (Carño2).
5114 **fíu do lombo** *s.comp.m.* Ver FÍO DO LOMBO /5112. (Antas3, Negral).
5115 **orelo do lombo** *s.comp.m.* Espiñazo da vaca. (Grixoa).
5116 **óso do lombo** *s.comp.m. Ú. t. en pl.* Espiñazo da vaca. TapiaC recólleo en plural. (SComba, TapiaC).
5117 **rosario do lombo** *s.comp.m.* Espiñazo. (Piquín).
5118 **serro do lombo 2** *s.comp.m.* Espiñazo da vaca. (Carr-C, Mour1, Ribe2, Xeve).
5119 **xuá do lombo** *s.comp.f.* Espiñazo. A nosa fonte define sorprendentemente como espazo comprendido dentro do costelar, que nos parece inverosímil e incoherente con outra información paralela (*óso da soá* etc). (Tab1).

5.7.2.5. As vértebras

Son cada un dos ósos que constitúen a columna vertebral, unidos entre eles por medio dun disco fibrocartilaxinoso. Sendo basicamente todas iguais, presentan unha serie de modificacións segundo as distintas funcións que desempeñan e segundo a rexión na que se atopan. Isto permite distinguir cinco tipos de vértebras: cervicais, dorsais, lumbares, sacras e coccíxeas.

O número de vértebras é diferente segundo a especie animal, e no caso dos bóvidos é de 7 cervicais[11], 13 dorsais, 6 lumbares, 5 sacras e 18-20 coccíxeas. As dúas primeiras vértebras cervicais son as únicas que reciben un nome propio: atlas e axe.

5120 **doa** *s.f.* Vértebra, cada un dos ósos que artellados entre si forman a columna vertebral. *Son as doas do cernizo*. (Xun2).
5121 **gradil** *s.m.* Conxunto de vértebras cervicais do animal. (Xun2).
5122 **lombelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das vértebras lumbares. (Común).
5123 **sarta** *s.f.* Vértebra. (Gud., Mez., Ped1).
5124 **sorta** *s.f.* Vértebra. (Vil.).
5125 **xarta** *s.f.* Vértebra. (Ped1).
5126 **anelos do rabo** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Vértebras do rabo. (Baltar).
5127 **óso do pescozo** *s.comp.m.* Vértebras cervicais. (Arc1, Sou3).
5128 **ósos da agulla** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Apófises espiñosas das primeiras vértebras dorsais, que van coa carne da agulla. (Arc1, Sou3).

5.7.2.6. A croca

5129 **croa 2** *s.f.* Ver CROCA 2 /5130. (Abe.).
5130 **croca 2** *s.f.* Ósos do nacemento do rabo. (Común).
5131 **crouca 2** *s.f.* Ver CROCA 2 /5130. (Com1, Dum.).
5132 **mazán 1** *s.f.* Óso sobresaínte dos cadrís. Ver comentario en MAZÁ 4 /1394 como rexión dos cadrís. (Noalla).
5133 **noca 1** *s.f.* Ósos do nacemento do rabo. (Gaxate, Guil2, Mosen., Valad1, Viso1).
5134 **nuca** *s.f.* Ver NOCA 1 /5133. (Morga.).
5135 **pombela 1** *s.f.* Óso do nacemento do rabo. (Burón, Gud., Mez., Suarna).
5136 **xoá** *s.f.* A nosa fonte define como "rexión do corpo que asenta sobre os ósos do nacemento do rabo". (Cadrón).
5137 **croca do rabo 2** *s.comp.f.* Ver CROCA 2 /5130. (Agro., Alla2, Buga-N, Caa., Cast., Cunt2, Cur., Lago, Miñor2, Oroso2, Parade., Ribe2, Rus, SComba).
5138 **noca do rabo** *s.comp.f.* Ver NOCA 1 /5133. (Rama.).
5139 **nouca do rabo** *s.comp.f.* Ver NOCA 1 /5133. (Vcova).
5140 **mamiño 3** *adx. Ú. m. en pl.* [Óso] do nacemento do rabo. (Noal).

5.7.2.7. As costelas

Os bóvidos teñen oito pares de costelas esternais, que van desde as vértebras dorsais ata o esterno, e cinco pares de costelas asternais, que non rematan no esterno senón que as súas cartilaxes de prolongación rematan soldándose unhas noutras e formando o arco costal. Non é estraña a presenza de unha costela flotante, que ten o extremo inferior libre, perdido entre a musculatura da parede ventral.

5141 **costela 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada un dos ósos arqueados que forman as paredes da caixa torácica que protexe os pulmóns e o corazón. (Común).
5142 **costrela** *s.f.* Ver COSTELA 1 /5141. (Cal., CP, Incio, Mra., Ped1).
5143 **vara 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Costela. (Cam1, Ctel12).
5144 ***costilla** *s.f.* Costela. (Caa., Cab., Cod., Com1, Feás-A, Gro1, Laxe, Marín, Mon., Pantón, Razo, Sob.).
5145 ***custilla** *s.f.* Costela. (Cur., Goián, Gro1).
5146 **arco do peito** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Costela. (ERG).
5147 **costela maniña** *s.comp.f.* Parte esternal das costelas. Ctel12 fala da *costela mainiña* como unha peza de cortadoría que se obtén desta parte do corpo, o que implica que a esta peza anatómica tamén lle chaman así. (Cang1).

5.7.2.8. O costelar

5148 **costelar 1** *s.m.* Ver COSTELEIRO /5150. (Com1, Mez., Suarna, Vala., Ver1, Vil., Xun.).
5149 **costelaxe** *s.m.* Costelar. (ERG).
5150 **costeleiro** *s.m.* Conxunto de costelas e músculos intercostais que forman a parede da caixa torácica. (Piquín).
5151 **costrelar** *s.m.* Ver COSTELEIRO /5150. (Incio, Mra.).
5152 ***costillar** *s.m.* Costelar. (Burón, Com1, CP, Feás-A, Gro1, Gud., Ped1, Per., Porto, Sob.).
5153 ***custillar** *s.m.* Costelar. (Gro1, Laxe).

[11] Número constante en tódolos mamíferos, desde a xirafa ó minúsculo rato, aínda que esta regra xeral ten, coma todas, as súas excepcións, coma tal algúns cetáceos (os manatís, con 6 vértebras) e algúns monos amazónicos (con 6-9 vértebras, segundo a especie).

5.7.2.9. O esterno

Óso impar, situado na base do tórax e formado por seis ósos, chamados estérnebras, que nos animais adultos chegan a soldarse entre si (as cinco últimas), manténdose a articulación coa primeira peza. Serven de punto de inserción das cartilaxes nas que rematan, por abaixo, as costelas.

5154 **óso do peito 1** *s.comp.m.* Esterno. (Arc1, Gro5, Sou3).

5.7.2.10. A escápula (omoplata)

A omoplata ou escápula é un óso plano de forma triangular que articula as extremidades anteriores co tronco e que se corresponde cos ombreiros.

O esqueleto das mans continúa co úmero, curto e relativamente ancho, e co radio e cúbito que, nos bovinos, están soldados en toda a súa lonxitude excepto un pequeno espazo no seu extremo distal.

5155 **omoplata** *s.f.* Escápula. (XER).
5156 **pa 2** *s.f.* Escápula. (Caa., Cab., Com1, Feás-A, Marín, Pont., San., Toba, Vil.).
5157 **pádoa 2** *s.f.* Omoplata. (Ordes).
5158 **paela 2** *s.f.* Escápula. (Arc4).
5159 **paleta 2** *s.f.* Escápula. (Com1, Dum., Goián, Gro1, Gui., Laxe, Mel1, Oirós, Razo, Sob., Toba, Xun.).
5160 ***pala 2** *s.f.* Pa. (Com1, Cur., Dum., Feás-A, Laxe, Razo, Vala.).
5161 ***paletilla 2** *s.f.* Escápula. (Común).
5162 **óso da *paletilla** *s.comp.m.* Escápula. (Arc1, Sou3).
5163 **pa do lombo** *s.comp.f.* Escápula. A nosa fonte escribe *pá do lombo*. (ERG).

5.7.2.11. O carpo, o tarso, o metacarpo e o metatarso

Describiremos conxuntamente as dúas rexións equivalentes das extremidades anteriores e posteriores dos bovinos, aínda que isto rompa momentaneamente a ordenación topográfica que estamos seguindo, xa que a súa diferenciación só interesa ós especialistas.

Para unha mellor comprensión do lector establecerémo-la comparación coas mesmas rexións no corpo humano. O carpo, ou *xeonllo*, equivale ó noso pulso e está constituído por seis ósos dispostos en dúas filas; o tarso, ou *bésta*, que sería o noso nortello, consta de cinco ósos. Cómpre destacar neste último o óso tarsoperoneo, máis coñecido como calcáneo, base de importantes inserción musculares.

Veñen despois os ósos do metacarpo, nas extremidades anteriores, e do metatarso, nas posteriores, que corresponderían ós ósos da nosa man e do noso pé, excluídos os dedos. Nós temos cinco ósos en cada unha destas rexións, que rematan nos nosos cinco dedos e poden apreciarse facilmente no dorso da man. Os bovinos só teñen catro dedos (falta o primeiro, o polgar) pero só o terceiro e cuarto están completamente desenvolvidos (correspóndense cos nosos dedos corazón e anular) mentres que o segundo (índice) e o quinto (maimiño) quedan reducidos a uns pequenos ósos na cara dorsal do extremo proximal do metacarpo ou metatarso [12].

Cada un dos dous dedos do pé dos bovinos está constituído por tres falanxes [13], a última dentro do casco do pezuño, que son equivalentes ás tres falanxes do dedo humano. Ademais existen os ósos sesamoideos: un par en posición volar [14] á articulación do metacarpo coa **cuartilla*, na articulación do todillo, e outro, tamén chamado navicular, en posición volar á ultima articulación das falanxes.

5164 **calcaño 2** *s.m.* Óso calcáneo que forma prominencia na bésta e que, unido ó tendón, forma o chamado *óso da asa*. (ERG).
5165 **óso da asa** *s.comp.m.* Conxunto formado pola extremidade distal da tibia, o óso calcáneo e o tendón flexor superficial. Trátase dun forte tendón que forma, coa base ósea, unha asa pola que se colga a canal para a preparación. (Ctel1, Sou3).
5166 **óso da xoga** *s.comp.m.* Ver ÓSO DA ASA /5165. (Ctel1, Sou3).
5167 **óso da *canilla** *s.comp.m.* Metacarpo ou metatarso. (Arc1, Sou3).

---

12 No cabalo, cun único dedo desenvolvido, o quinto tamén falta e os dedos segundo e cuarto quedan atrofiados.

13 Os nomes que estes ósos teñen en castelán son *cuartilla*, *corona* e *tejuelo*. No *Vocabulario do Medio Agrícola*, da Dirección Xeral de Política Lingüística, de 1988, danlle os nomes de *cuartilla*, *corona* e - erroneamente - *sabugo*. Nós non demos recollido ningunha denominación para estes ósos, é dicir, non verificamos que se usen esas denominacións, que, como tecnicismos, probablemente estarían mellor como *falanxes proximal, media* e *distal*. Nun *Vocabulario de Veterinaria* editado no 2008 polo SNL da USC dábanse as voces *cuartela* e *coroa*.

14 Rexión volar é a palma ou cara anterior da man.

5168 **óso da *horquilla** *s.comp.m.* Ver ÓSO DA ASA /5165. Híbrido cast.-gal. (Ctel1, Sou3).
5169 **óso do enganche** *s.comp.m.* Ver ÓSO DA ASA /5165. (Ctel1, Sou3).
5170 **óso do ghancho** *s.comp.m.* Ver ÓSO DA ASA /5165. (Car2).
5171 **óso do miñón** *s.comp.m.* Extremidade distal do radio e o carpo. (Ctel1, Sou3).
5172 **óso do xoello** *s.comp.m.* Ver ÓSO DA ASA /5165. (Ctel1, Sou3).

5.7.2.12. A pelve

As extremidades posteriores dos animais domésticos artellan coa columna vertebral a través dunha estrutura ósea composta por varios ósos soldados entre eles. É o cinto pelviano, tamén chamado óso coxal. Tamén se lle chama pelve, aínda que propiamente a pelve sería o conxunto formado polo óso coxal, o sacro e as primeiras vértebras coccíxeas. Mesmo algúns autores reservan este termo para designa-la cavidade conformada por estes ósos.

O óso coxal é un óso par, aínda que os dous estean soldados na rexión ventral mediante a sínfise pelviana. Cada un deles está constituído por tres ósos: ilio, isquion e pube. O primeiro é o maior e máis externo, e articula por riba coas ás do sacro, pechando o cinto pelviano; interésanos especialmente o ángulo anterior externo, que se marca ó exterior formando a punta dos cadrís.

A conformación da pelve ten unha enorme transcendencia na reprodución, xa que debe permiti-la saída do feto a través da canle que debuxan os ósos que a constrúen e que, nunha vaca de tamaño medio, presenta un diámetro vertical de 22-24 cm, segundo o punto onde se mida, e un diámetro transverso de 18-20 cm.

5173 **nacenza 4** *s.f.* Cinto pelviano, formado pola base da pelve e o óso sacro. (Cam1, Gro4).
5174 **óso da cuncha** *s.comp.m.* Isquion, óso plano que forma a base da cavidade pelviana. (Arc1, Sou3).

5.7.2.13. O fémur, a tibia e o peroné

O fémur é un óso forte e relativamente curto sobre o que asentan os músculos da coxa. Articula por arriba co óso coxal e por abaixo coa tibia.

A tibia articula por arriba co fémur e por abaixo cos ósos do tarso. Nos bovinos, o peroné está reducido a dous pequenos ósos que equivalen ós extremos do mesmo óso noutras especies. A cabeza está soldada ó extremo craneal da tibia, e a extremidade distal é un pequeno óso encaixado no extremo distal da tibia.

A musculatura que rodea á tibia é o que se coñece como xarrete.

5175 **lomedro 2** *s.m.* Fémur, base ósea da coxa. (ERG).

5.7.2.14. A rótula

Óso curto e triangular, nos bovinos, situado por diante do extremo distal do fémur, co que articula a través dunha forte cartilaxe. A súa función é servir de base de inserción da musculatura anterior da coxa.

5176 **óso do xeollo** *s.comp.m.* Calcaño das patas traseiras que popularmente se confunde coa rótula, sendo que a verdadeira rótula é interna neste animal. (Común).

5.7.2.15. Os ósos do pé

Son semellantes en todo ó que xa describimos para a extremidade anterior (ver 5.7.2.11), polo que non cómpren máis explicacións.

5.7.3. As cartilaxes

Tipo especial de tecido conxuntivo, elástico e duro (pero máis brando có óso), non vascularizado. Forma a práctica totalidade do esqueleto fetal pero vai osificándose durante o desenvolvemento ata quedar reducido no animal adulto a zonas moi concretas, coma as orellas, as superficies articulares dos ósos, os discos intervertebrais, a unión das costelas co esterno ou algunhas estruturas tubulares (como os aneis da traquea).

5177 **goro** *s.m.* Especie de cartilaxe que se forma no punto de rotura dun óso: *Crióu goro*. (Piquín).
5178 **meimiño** *s.m.* Cartilaxe. (Gun.).
5179 **rillote** *s.m.* Cartilaxe. (Viuxe.).
5180 **talo 1** *s.m.* Cartilaxe. (Com1).
5181 **óso maimiño** *s.comp.m.* Cartilaxe. (Ctel1).
5182 **óso mamiño** *s.comp.m.* Cartilaxe. (Com1).
5183 **óso memo** *s.comp.m.* Cartilaxe. (Com1).

5184 **óso mol** *s.comp.m.* Cartilaxe. (Vala.).
5185 **óso molar** *s.comp.m.* Cartilaxe. (Burón, Caa., Cab., Ced., Cod., Com1, Laxe, Mon., Per., Razo, Suarna, Xun.).
5186 **óso rilladeiro** *s.comp.m.* Cartilaxe. (Cal.).
5187 ***güeso maimiño** *s.comp.m.* Ver ÓSO MAIMIÑO /5181. (Feás-A).
5188 ***güeso molar** *s.comp.m.* Ver ÓSO MOLAR /5185. (Gui., Oirós).

Capítulo 6. A VACA NA ALIMENTACIÓN

Capítulo 6. A VACA NA ALIMENTACIÓN

O gando vacún é para nós unha fonte de enerxía e de alimentos, pero tamén o é de calor para a vivenda rural tradicional e de esterco para enriquece-las terras de labor. Do gando como fonte de enerxía e esterco falaremos no capítulo 9 cando tratémo-lo carro, o arado, a corte e o esterco. Aquí ímonos deter a considera-lo gando vacún como fonte de alimentación: carne e leite pero tamén os seus derivados: queixo, manteiga, requeixo, nata e coiro.

6.1. O matadoiro

O proceso que as reses de abasto sofren no matadoiro para a transformación do animal vivo en pezas de carne para o consumo experimentou un cambio considerable desde que a primeiros dos noventa do pasado século se impuxo o peche dos antigos matadoiros municipais. Estes creáranse para abasteceren a localidade na que estaban encravados pero, ó dependeren das arcas municipais, case nunca dispuxeron de medios suficientes (equipos, mantemento das instalacións, depuración dos vertidos residuais, eliminación segura de comisos e refugallos etc.) nin de persoal técnico para as operacións de sacrificio e para asistir á inspección. Durante a ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) houbo un proxecto de crear en Monforte o gran matadoiro industrial de Galicia ó estilo dos máis modernos dos Estados Unidos e Canadá para evita-la enorme depreciación do traslado de reses de abasto en vivo. A localización tiña que ver co feito de que en Monforte uníanse as liñas de tren que viñan da Coruña e Vigo e que unía co resto de España. O Concello cedeu os terreos ó Estado para construílo pero en 1950 aínda estaba sen construír (MHB). O caso é que en 1951 unha empresa mixta de capital privado e público decide crealo en Lugo (Frigsa).

Pero antes, en 1924 o sindicalismo católico agrario galego, encabezado polo sacerdote Domingo Bueno, creara o proxecto Marucoga (Mataderos Rurales Cooperativos de Galicia), que soñaba crear dez grandes matadoiros para toda Galicia. O primeiro dos dez localizouse no Porriño (e por diversos problemas foi o único). Inaugurouse en 1928 e foi un dos primeiros matadoiros frigoríficos de España. Crebou na guerra 1936-1939 e acabárono mercando os Fernández, sendo así a base de Frigolouro e pioneiro do Porriño industrial [1].

Trala implantación do novo Regulamento de Matadoiros, en 1977 (que veu derroga-lo anterior de 1918), e a posterior aplicación en España das directivas europeas, fíxose obrigatoria a modernización e mantemento das instalacións e das prácticas de matanza, coa inevitable clausura de todos aqueles que se vían incapaces de se axeitaren ás novas normas nos prazos concedidos. Paralelamente ó peche daqueles

[1] Hai unha anécdota deste matadoiro. En 1928 fuxiu do matadoiro un boi bravo e houbo que lidalo na praza do concello. En tempos chegou a haber en Madrid un prato chamado *rosbif de Porriño* nun xantar sonado no que participaron Basilio Álvarez, Antonio Palacios o Wenceslao Fernández Flórez (DG).

fóronse creando os modernos matadoiros industriais, dotados de tódolos medios necesarios para garantiren a salubridade da carne que poñen no mercado.

Hoxe en día a lexislación sanitaria regula con detalle o proceso do matanza das reses de abasto, as condicións que deben reuni-los establecementos onde se realiza e os controis que se deben efectuar tanto sobre o animal aínda vivo coma sobre a canal obtida con estas operacións. Así, o matadoiro e a matanza das reses teñen xa moi pouco que ver coa realidade que se vivía en Galicia hai aínda poucos anos, cando practicamente tódolos concellos contaban cun matadoiro ó servizo dos carniceiros locais, en condicións moitas veces deplorables no que respecta á hixiene e ó mantemento das instalacións, e controlado polos antigos veterinarios municipais. Pero, por se-lo obxectivo deste libro a recollida de información tradicional, este será o sistema de matanza que imos describir, coas observacións que sexan necesarias en cada caso.

Neses antigos e pequenos matadoiros municipais o habitual era que o propio carniceiro se encargara de sacrifica-las súas propias reses, habitualmente becerros, que previamente mercara ós pequenos gandeiros da zona ou nos mercados de gando do noso país. Tratábase de animais de 7-10 meses de idade, que aínda mamaban na súa nai e que ademais empezaban a comer algo de herba que o dono lles ía botando na corte. Os animais adultos só se sacrificaban nos matadoiros industriais ou nos municipais das grandes cidades, e habitualmente se trataba de vacas inútiles por seren vellas e improdutivas ou por estaren enfermas, sendo o seu destino a industria cárnica.

A **matanza** facíase por sangradura na xugular, previa insensibilización do animal mediante un forte golpe na testa cunha brosa ou coa cota dun machado. Actualmente, esta práctica está prohibida pola lexislación vixente e é obrigatorio utilizar unha pistola de bala cativa como método de insensibilización previa á sangradura.

> *Aquil ano tocáralle de telo a Lourenzo, i o Quiñolas puido presenciar as operacións da mata, vendo con sobresalto e lástema cómo o matachín levantaba o machado grande con que partía leña seu pai, e lle zorregaba coa cota antre os cornos ó probe animal, que caíu coma fendido por unha centella* [2].

O **carneado** ou preparación da canal seguía, máis ou menos, este proceso: esfolábase a medias o animal aínda no chan, deitado sobre o espiñazo; cortábanse patas e cabeza e iniciábase a evisceración. Despois penduraban a canal do teito, sempre polas patas traseiras, cunha barra con ganchos en ámbolos dous extremos ós que se suxeita a canal polo que chaman *óso da asa*, arco formado pola tibia, o óso calcáneo e o tendón dos poplíteos ou xemelgos da perna (o chamado no home, *tendón de Aquiles*). Unha vez que a canal estaba colgada, rematábase de esfolar e de eviscerar.

As vísceras abdominais, *bandullo* (panza e os outros preestómagos) e tripas, separábanse da graxa que as envolven, baleirábanse e lavábanse, dedicando os preestómagos e o calleiro á venda para os *callos*, mentres as tripas e toda a graxa extraída vendíase para a fabricación de sebos.

As vísceras torácicas: traquea, parte do esófago, corazón e pulmóns, xunto á lingua, o fígado, o bazo e a parte muscular do diafragma, extraíanse formando un conxunto denominado *raigada, coradas*, *entrañas, bofes* etc., que se colgaba nun gancho á parte.

Finalmente, remataba a preparación da canal eliminando os acúmulos de graxa nas diferentes zonas do corpo, extraíanse os riles, esfolábase e limpábase a cabeza e lavábase a canal, que quedaba no matadoiro en aireo dun día para outro para que secara e se producise a maduración da carne, levándose á cortadoría no outro día.

O aproveitamento das vísceras era moi irregular segundo o sitio do que se tratase. O fígado, a lingua e mailos riles vendíanse sempre para o consumo. O corazón, os pulmóns e o bandullo utilizábanse tamén nuns sitios para o consumo humano e noutros para os cans ou ía cos sebos para as industrias de graxas. Os testículos ou colloufas case nunca se aproveitaron. O coiro apilábase con sal e vendíase ás industrias de curtidos.

5189 **banco** *s.m.* Taboleiro dos matadoiros sobre os que se sacrificaban as reses. (VLLM).

5190 **chapeira** *s.f.* Matadoiro. Probablemente na verba dos cesteiros, onde *achapante* é carniceiro. Entendemos que ese é o seu significado porque ERG o cita como sinónimo de *matadeiro*, e porque *achapante* é o carniceiro. Pero non recolle a entrada *chapeira* e si *chapreira*, co significado de "ternera u otra res menor, como oveja o cabra, que se compra entre varios

[2] GB2:147.

vecinos o entre una familia, para repartirla y disfrutarla cada cual en la comida de la fiesta principal del pueblo: *Matanza das chapreiras*". (ERG).

5191 **degoladeiro** *s.m.* Ver DEGOLADOIRO /5192. (ERG).

5192 **degoladoiro** *s.m.* Lugar no que se sacrifican as reses. (ERG).


5193 **macelo 1** *s.m.* Departamento nas cortadorías onde se sacrificaban as reses. ERG defíneo como "matadoiro". *Boi que non ara, no macelo para* (VLLM). En latín clásico o *macellum* era a praza na que se vendía todo tipo de comestibles pero non precisamente un matadoiro. No latín medieval *macellus* xa empeza a ter relación específica coa carne (cortadoría) pero aínda non era o matadoiro (DuCange). Este significado colleuno xa en romance e iso é o que significa en italiano actual a palabra *macello*. (An16b, ERG, VLLM).

5194 **macelleira** *s.f. arc.* Macelo ou matadoiro. (VLLM).

5195 **mallón** *s.m.* Taboleiro onde se sacrifican as reses degolándoas. *Gábase o boi chegando ó mallón*. (VLLM).

5196 **matadeiro** *s.m.* Ver MATADOIRO 1 /5197. (Común).

5197 **matadoiro 1** *s.m.* Lugar onde se sacrifican as reses de abasto. (ERG).



Boi que non ara... (Siro).

Boi que non ara, no macelo para. (VLLM:1,135) [3]

O boi que non ara, na cortadoría para. (ERG:boi; UCA:36.18; ZM:163) [4]

¿Onde irás, boi, que non ares? Á macelleira. (VLLM:1,148) [5]

¿Onde irás, boi, que non ares? Ó matadeiro. (Vald3) [6]

Boi que está moi traballado, non che sirve para o banco. (UCA2:41; VS) [7]

---

[3] Llópiz di que pertence ó séc. XVII, segundo Marcellán; explica que *macelo* é un departamento nas cortadorías onde se sacrificaban as reses. Noutro lugar defíneo como *tundidor con que se sacrifican las reses*.

[4] No texto: *cortaduría* (UCA e ZM). UCA2 dá outra versión que carece de rima: *O boi que non ara, para na cortaduría* (6.08.1908).

[5] Llópiz explica que *macelleira* é palabra galega arcaica por macelo ou matadoiro.

[6] No texto: *O matadeiro*. Véxase o tema "Resignación" no capítulo 13.1. *Todo é coma unha vaca*.

Boi que vai/está moi traballado, non che val pra o banco. (VLLM:1,135) [8]
O boi traballado non val pra o banco. (VLLM:1,147) [9]
En Galicia despídenme os lameiros e en Castela recébenme os macelos/coitelos. (VLLM:1,141) [10]
En Lugo, os lameiros e en Madrí os macelos/coitelos. (VLLM:1,141) [11]
Gábase o boi chegando ao mallón. (VLLM:1,157) [12]
Gando branco, nin no pasto nin no banco. (ERG:gando; UCA:36.18; UCA2:37; MVN:276; MVN2:86; EAG:17; VLLM:2,88; ZM:113; XTC4) [13]

6.1.1. O gando destinado ó sacrificio

O gando que agora nos interesa como animal de abasto de carne está representado exclusivamente polo gando vacún pero non podemos esquecer que nos nosos matadoiros tamén se sacrifican outras especies domésticas (porcino, ovino, caprino, solípedes, aves de curral, coellos) que abastecen igualmente de carne as nosas cortadorías.

En Galicia o 99% dos machos bovinos non chegan a face-lo ano de idade: eles son, polo tanto, os que primordialmente dan a carne que coñecemeos como *vitela* ou *tenreira*.

A denominación de venda para a carne de bovino sufriu ó longo dos anos sucesivas modificacións buscando conseguir unha regulación normalizadora que o mercado, nacional e internacional, viñan demandando. As diferentes idades ás que se mataban os animais nas distintas comunidades e nos distintos países dificultaba claramente o comercio internacional, e o uso de distintas denominacións comerciais e diferentes indicacións da etiquetaxe daban pé a confusión entre as industrias e no consumidor. Para resolvelo establecéronse catro idades comerciais que foron puntualizándose en normativas posteriores ata que en 2009 [14] se estableceron definitivamente, completadas con indicacións na etiqueta dirixida ó consumidor final.

- **Vitela** ou **tenreira**: vacún macho ou femia de menos dun ano de vida, aínda con tódolos dentes de leite e un peso da canal comprendido entre os 100 e os 180 kg. Como corresponde a tódolos animais novos, a carne de vitela ten cor branca ou rosada, zumarenta, tenra e saborosa, moi dixestiva, con pouca graxa que tamén é branca. A contribución nutritiva da carne de vitela resulta similar á das outras especies, e menor cá dos animais máis vellos, pola súa maior proporción de auga.
  Distínguese entre *tenreira branca* -cando ten 8 meses ou menos- e, simplemente, *tenreira* –cando ten máis de 8 meses e menos de 12. Noutras zonas diferencian a *ternera lechal*, *ternera de leche* ou *ternera recental*, becerra moi nova que nunca saíu a pastar e que só foi alimentada con leite, materno ou artificial (maternizado).

---

7 Realmente UCA2 (4.06.1908) escribe *esté*; UCA2 e VS: *para o barco*, pero coidamos que *barco* é errata por *banco*. Con todo, debemos lembrar que os bois se utilizaron para arrastrar a terra redes e barcos nas praias ata mediados do século XX e tamén que Galicia realizou unha importante exportación de gando vacún a Inglaterra por barco no XIX.

8 Llópiz explica que a carne dos bois vellos moi traballados resulta de moi mala calidade. Di tamén que o recolle de E. Carré Aldao (*A Nosa Terra* 1908) pero, como se ve na variante anterior, con enmendas.

9 Llópiz: *pra-o*; recólleo no Porriño; explica que a carne do boi que é vello e que traballou moito é moi negra e durísima; *banco* é o mesmo que *macelo* ou *mallón*, lugar reservado nos matadoiros para coloca-la res que se vai sacrificar.

10 Llópiz: *despídenm'os lameiros i-en Castela recebem'os* (sic); explica que fala o gando galego que, arrincado ós verdes prados galegos, chega a Castela e alí recíbeno os matachíns para sacrificalo; recólleo de F. Magadán en Ponferrada.

11 Llópiz: *i-en*; recolle esta var. en Sarria, de Laureano Páramo.

12 Llópiz di que se aplica a quen louva a outro serodiamente, cando ese outro xa está irremisiblemente perdido, ou cando alguén fai ostentación en idénticas circunstancias.

13 No texto: *n'o pasto, n'o banco* (EAG); *blanco, n'o pasto, n'o banco* (MVN2); *blanco* (XTC4). Taboada recólleo do *Diccionario* de Valladares. Llópiz explica que o *banco* é a mesa de mata-las reses; recólleo de E. Carré Aldao (*A Nosa Terra*). Álvarez Giménez, explicando outro refrán, recolle a crenza de que *los animales de piel oscura son de más fuerza que los otros*, aínda que non di por que. Ignoramos por que razón o *gando branco* se considera de inferior calidade e por iso o mellor é velo no prato e, segundo outro refrán semellante, que veremos falando da carne, nin no prato é bo. ¿Terá que ver algo con isto o feito de que, como di outro refrán, *Non come o lobo besta branca* (UCA2, EAG:21)? É curioso todo isto, porque na antigüidade romana era o gando reservado precisamente para ofrecelo a Xúpiter na cerimonia solemne da celebración dun triunfo (*suovetaurilium*). Menos entenderiamos aínda se tal gando *branco* tivese algo que ver co *gando nidio* que pon ó seu amo relouquido e que Llópiz explica como *groso, graxento* apoiándose no paralelo *Gando gordo pon ao seu amo tolo*.

14 Real Decreto 75/2009, de 30 de xaneiro, que modifica o Real Decreto 1698/2003, de 12 de decembro, polo que se establecen as disposicións de aplicación dos Regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún (BOE nº 27, de 31 de xaneiro). Veu derroga-la Orde de 29.03.1982, do Ministerio da Presidencia, pola que se establecía a *Norma de calidade para canais de vacún e as súas unidades comerciais no mercado interior* (BOE nº 79, de 2.04.1982).

- **Anello**: animal macho ou femia de máis dun ano de vida e menos de dous, e que xa teña, como mínimo, unha peza dentaria permanente. Proporciona unha carne de máis cor e máis saborosa cá da vitela, por te-la musculatura máis desenvolvida.
- **Vacún menor** (novelo ou xovenco): animal macho ou femia con idades comprendidas entre os 24 e os 48 meses, cunha carne máis vermella e menos tenra cás anteriores. Posúe os incisivos permanentes, ou *pas*, pero, como mínimo, unha peza de leite. No caso de tratarse dun macho castrado, a denominación será a de *cebón*.
- **Vacún maior**: animal adulto, macho ou femia, de máis de 48 meses de idade e con tódolos dentes permanentes. Adoita dárselle o nome de *vaca*, indistintamente de se se trata dunha vaca ou dun boi, pero a normativa vixente sobre a identificación e etiquetaxe da carne de vacún esixe distinguir entre *vaca*, *boi* –macho castrado- e *touro* –macho enteiro.

  No 2006, a Unión Europea estableceu unha nova categoría denominada *vacún pesado*, que inclúe os animais dun peso vivo superior a 300 kg.

  Como corresponde a animais destas idades, a carne de vacún maior trátase dunha carne dura, seca e pigmentada, de cor vermella forte e cuberta de graxa branco-amarelenta, compacta. Proporciona unha carne apenas apreciada en fresco e que se aproveita, fundamentalmente, para a fabricación de embutidos e produtos cárnicos. Ultimamente as novas tencencias gastronómicas revalorizaron estas carne para a obtención do *chuletón*.

No que respecta á nosa Comunidade, o animal de preferencia é, con moito, a vitela, sacrificada a idades que rondan os 10 meses ou menos.

A distribución dos distintos tipos de carne en Galicia, sobre datos de 2004, foi a seguinte:

Cabezas sacrificadas					
	Becerros	Xovencas	Vacas	Touros	TOTAL
A Coruña	29.708	27.427	55.539	45.079	157.753
Lugo	29.515	13.955	15.721	21.569	80.760
Ourense	40.545	16.245	12.976	20.668	90.434
Pontevedra	44.760	21.030	14.116	20.638	100.544
GALICIA	144.528	78.657	98.352	107.954	429.491

Produción de carne en toneladas					
	Becerros	Xovencas	Vacas	Touros	TOTAL
A Coruña	4.769,28	6.151,84	14.312,66	10.704,32	35.938,09
Lugo	4.827,88	3.186,36	4.242,88	5.888,48	18.145,60
Ourense	6.483,06	3.630,85	3.429,55	5.182,48	18.725,94
Pontevedra	6.941,69	4.723,89	4.513,66	5.047,97	21.227,21
GALICIA	23.021,91	17.692,94	26.498,75	26.823,25	94.036,84

Peso canal medio en quilogramos					
	Becerros	Xovencas	Vacas	Touros	
A Coruña	160,54	224,30	257,70	237,46	
Lugo	163,57	228,33	269,89	273,01	
Ourense	159,90	223,51	264,30	250,75	
Pontevedra	155,09	224,63	319,75	244,60	
GALICIA	159,29	224,94	269,43	248,47	

▸ Fonte: *Anuario de Estatística Agraria 2004.* 4. Subsector gandeiro, 133, Consellería do Medio Rural. 2004.

5198 **cebón** *s.m.* Xato cebado durante o primeiro ano de vida e que logo é sacrificado. ... *son sacrificados, comercializándose a súa carne a un elevado prezo. Son estes os cebóns, como o famoso de Cervo, que encheu de sona e renome as terras setentrionais da provincia lucense*. (LG:15.03.1998).

5199 **chapreiro** *s.m.* Becerro que se merca para comer nunha festa campestre localizada, polo menos, en Viñas (A Coruña) (ERG) e tamén en Vilamane (Becerreá) (VS3).Tamén se usa o fem. *chapreira* ("becerra"). Ver comentario a CHAPEIRA /5190 e a MATANZA DAS CHAPREIRAS /5217. *San Cristovo logo chega, imos mercando a chapreira* (VLLM). (ERG, VLLM, VS3).

5200 **matadoiro 2** *s.m.* Res que se compra para

sacrificar e comer nalgunha festa popular. Do uso que desta palabra fai GB2 parece probable que sexa substantivo. *Chegóu a festa do Patrón.* [...] *Os matadoiros, ou reses destiñadas ós xantares festeiros, comprábanse nas feiras anteriores. Quen podía mercaba unha pra sí soio, i os demáis axuntábanse dous ou tres, e inda catro pra mercar un* (GB2:147). (GB2, MVN).

5201 **obriga 2** *s.f.* Gando que mercan os feirantes para sacrificar. (ERG).

5202 **vitela 1** *s.f.* Becerra destinada ó sacrificio. (Ver1, XLF).

5203 **boi prá macheta** *s.comp.m.* Ver BOI PRA MORRER /5204. A nosa fonte escribe *boi pra a macheta*: *Vendín os bois pra a macheta, porque se lle torceran as patas co traballo e xa non uñaban ben*. (Parade.276).

5204 **boi pra morrer** *s.comp.m.* Boi que xa non serve para o traballo (por vello ou calquera defecto) e destínase ó matadoiro. (Parade.).

5205 **gando de morrer** *s.comp.m.* Gando que se merca para matar. Págase na man. (Pont.).

5206 **vaca de sacrificio** *s.comp.f.* Vaca que se vende para levala ó matadoiro. (Ctel1).

5207 **xato pra o coitelo** *s.comp.m.* Becerro de engorde, destinado ó matadoiro. (VLLM).

5208 **branco 3** *adx.* [Gando] de mala calidade. Denominación que parece deducirse de algúns refráns e que quizais asente nalgún razón mítica. (ERG, UCA, VLLM).

5209 **corneteiro** *adx.* [Becerro] feo, que non promete para a cría e que se compra entre dous veciños para a festa. (Grixó).

5210 **fabriqueira** *adx.* [Vaca] que se merca con destino a matadoiros industriais e industrias cárnicas, en contraposición coas *vacas de carniceiro* que se mercan para vende-la súa carne na cortadoría. Trátase de vacas vellas (*de desvelle*), normalmente en mal estado de carnes, de carne escura e graxa amarela (polos pigmentos carotenoides contidos na herba). Ó resultar imposible a venda directa desta carne porque o consumidor a rexeitaría dado o mal aspecto que ten, destínase exclusivamente á industria cárnica, para elaboración de embutidos, pensos e outros produtos industriais. O prezo que alcanzan no mercado oscila ó redor dos 250 euros (ano 2005), fronte ós 1.800 euros que poden pagarse por unha vaca *de carniceiro*. Como é sabido, fóra de accidentes inesperados, non é normal que un becerro vaia para a fábrica; tampouco os bois: no caso dos sementais, tras dous anos cubrindo, adóitase sacrificalos porque collen memoria dos pequenos incidentes que foron tendo cos seus criadores e vólvense perigosos; en calquera momento poden atacar a quen algunha vez os maltratou. Así que as únicas que poden chegar á situación de iren parar a unha fábrica son as vacas. (Com10).

5211 **matoco** *adx.* [Xato] destinado ó matadoiro. (ERG, VLLM).

5212 **de carniceiro** *loc. adx.* [Animal] que se merca con destino á venda polo miúdo na cortadoría. Ve-lo comentario a FABRIQUEIRA /5210. (Com10).

5213 **de desvelle** *loc. adx.* Ver FABRIQUEIRA /5210. (Com10).

5214 **de fábrica** *loc. adx.* Ver FABRIQUEIRA /5210. "Vaca de fábrica": é infrecuente que esta loc. se aplique a un becerro e, cando isto sucede, é porque rompeu algunha pata ou padeceu algún traumatismo semellante que o incapacita para medrar con normalidade. (Com10).

A primaveira de xaneiro non leva ningún boi ó matadeiro. (EGE:11) [15]
Becerro e vaca sobrante, quitalos logo de diante. (VS) [16]
Boi que non garda o rego, engordalo e vendelo. (VS)
San Cristovo logo chega, imos mercando a chapreira. (VLLM:2,22) [17]
Si queres xato matoco, déixao folgar e que coma moito. (VLLM:1,153) [18]
Si queres xato pra o coitelo, déixao folgar no lameiro. (VLLM:1,153) [19]

15 Véxase a explicación deste refrán en 12.3.13.

16 ms17: *quitalas*.

17 Llópiz: *Cristobo, ímos;* explica que os veciños de Viñas, preto da Coruña, cando vén vindo o día do seu patrón, mercan unha becerra ou becerro para sacrificalo e comelo en familia en festa campestre e chámanlle *chapreira* a esta res. Semellante celebración faise en Carnés (Vimianzo, A Coruña), nunha festa que se remonta ó ano 1700 e que preside o santo, colocado nun lugar preferente mentres a xente xanta os callos (XFR:216).

18 Llópiz recolleuno no matadoiro do Porriño e engade que cadra co cast. *Si quieres hacer buey cotral, dale de comer y déjale holgar*.

19 Llópiz: *pra-o*; explica que *xato pra o coitelo* é en Lugo o mesmo que o *xato matoco* no Porriño, o becerro de engorde para mandar ós matadoiros (*de Castilla* di aquí); recólleo do Instituto Pecuario de Lugo (*Zootecnia*).

E para estes pastores
que tocan os istrumentos
traguemos unha juvenca
e vintecatro carneiros.
A la la la. [20]

A vaca do cura [21]

Unha vez perdéuselle unha vaca ón cura e foise a meter na casa de un matrimoño mui pobre, que tiña un fillo pequeno. Coma non tiñan que comer, mataron a vaca e comérona. I ó rapaz [22] dixéronlle que non lle dixese nada a naide pero coma aos rapaces basta que se lle diga que se calen pra que máis pronto conten as cousas, andaba cantando pola calle:

A vaca do cura de Celeirós
comémoslla nós.

Oíuno o cura e díxolle:

-Rapaz, tu que dices.

O rapaz volveu a cantar:

A vaca do cura de Celeirós
comémoslla nós

-Boeno -dixo o cura-, *toma estas cadelas e mañá cuando eu estea pedricando e diga: "Niño, di* [23] *lo que sabes" tu* [24] *contesta eso*.

O rapaz díxolle que si [25] ao cura pero pra o outro día, cuando o cura dixo:

-Niño, di [26] *lo que sabes*.

O rapaz contestou:

A miña mai, zalairós,
ten un rapaz do señor cura;
non o [27] *sabe meu pai*
e sabémolo nós.

Estonces o cura dixo [28]:

-Orates frates. Non hai que lle dar crédito aos rapaces.

A vaca do cura [29]

Había alá nun pueblo un pai con cinco ou seis fillos de familia e éranlle todos pequenos. E o pai, claro, gañaba pouco e tiña pouco que lle dar de comer ós fillos.

I había un cura que tiña uns diestros moi grandes, que mantiña dezaseis vacas. E un día de noite escapóuselle unha becerra.

Entonces agarrou o pai dos rapaces, viu a becerra e escondeulla na casa. E matárona e comérona. Ó comela, claro, mataron a fame.

Entonces andaba un día un neno e outros cuantos alí fóra na rúa e cada un contaba da súa maneira. Entonces aquil contou o conto que lle dicía o pai en casa. Dice:

-¡Viva la gala!
Matámoslle unha becerra
ó señor cura da Ribada,
comémola toda onte á noite,
unha cocida e outra asada.
¡Viva la gala!

O cura pasaba alí de momento e ouviu o rapás que cantaba aquelo. Dice:

---

[20] Fragmento dunha panxoliña datada en 1793 e recollida por Bouza Brey (FBB6).
[21] LP2: 43. Recolleuno en Fornelos de Filloás, lugar e parroquia de Viana do Bolo, a Manuel Fernández, de 62 anos.
[22] No texto: *I-ó rapaz*,.
[23] No texto: *dí*.
[24] No texto: *tú*.
[25] No texto: *sí*.
[26] No texto: *dí*.
[27] No texto: *non-o*.
[28] No texto: *cura,*.
[29] CNC:382-383. Recollido en Videferre, Oímbra, A Gudiña, Ourense, de José Rodríguez, de 43 anos de idade en 1997.

-¡Neno, que ben cantas! A ver, canta outra vez, bonito, a ver.
-E…, non canto que…
-Toma, douche dúas pesetas se ma cantas. —E cantoulla:
-Viva la gala…
-¡Ai, Bonito, que ben cantas! —I era sábado, e entón dille así:
-¿Tu vas a misa?
-Vou, si señor.
-Bueno, pois entonces ¿mañá cántasma alá, na misa?
-Canto.
-Bueno, e douche outras dúas pesetas.

Efectivamente, alá foi o rapás á misa, e cuando estaba o cura predicando, que se virou pra predicare, dixolle:

-Atendan, señores, atendan un angel que veu do ceo, que dice a pura verdá, máis que a verdá. ¡Ala, escóiteno! Anda, neno, levántate e a ver. Fala aí dediante de todos.

Chegou e dille o rapaz:

—¿E as dúas pesetas, señor abade?
—Toma. —E doulle as dúas pesetas, e di:
—¡Pero escoiten ben ó neno...!

E cuando se puxo o neno..., virouse cara ó público, cara á xente e dícelle:

—¡Viva la gala!
Miña nai anda preñada
do señor cura da Ribada.
I o máis bonito é
que meu pai non sabe nada.

Claro, o pai ensinouno da outra maneira.

I o cura dice:

—Non fagan caso, señores, non fagan caso, sonlle fillos de Dios e testigos del demonio.

O cura chiquito [30]

Un pícaro estaba cunha vaca, un domingo. E antes deso, o cura, non sei, durmira na cama con súa mai. E estaba cantando coa vaca e decía:

-O cura chiquito
durmió con mi madre,
que gusto será
si mi padre lo sabe.

-Oes, pra domingo vés á misa. Heiche regalar o mellor traxe que haxa pra ires á festa –non sei que festa era naquela parroquia-, *pero tes que decir*:

-La vaca morita
del cura chiquito
la tiene mi padre
en el cuarto bajito;
y de ella nos hace
un buen pucherito.

E o pícaro veu prá casa e díxollo a seu pai.

-Oeu, papá, díxome o cura –chamouno polo nombre, eu non me acordo de-; *díxome así, que fose á misa e que dixese así*.

E dixo [o pai]:

-Bueno, pois tu vai á misa e dislle ó cura...; cando sexa de decires eso, eu hei decir que escoiten o que vas decir tu. E cando che diga que digas o que tes que decir, tu dices eso que estabas cantando.

E o cura dixo:

[30] Abadín4:195-196. Recollido en Romariz, Abadín.

-Estar con atención ó que este chaval vai decir, que é tan certo como o sol que nos aluma.

E todo o mundo estuvo moi atento a ver que salía. E o pícaro dixo:

-El cura chiquito
durmió con mi madre;
que gusto será
si mi padre lo sabe.

[E dixo o cura]:

-¡Orates frates, con pícaros nunca trates!

O cura de Villardeira [31]

Nunha ocasión un señor tiña tres ou catro fillos e rouboulle unha vaca ó cura. Entonces a muller non o sabía e un pequeno cantaba:

Meu pai rouboulle unha vaca
ó cura da Villardeira,
comémola crúa e asada
e miña mai non sabe nada;
non ha de haber mala adellada
así que sepa a estouciñada.

Pasaba o cura por alí e díxolle ó pequeno:

-¡Cántame esa canción!

E cantoulla. E dixo:

-Mira, pa domingo vas á misa e cando eu che diga que vas recitar unha canción, tu dícela que che hei de dar cinco pesos.

Entonces o cura dixo a misa, pero antes deso o pequeño díxollo ó pai, e díxolle o pai:

-Non, porque entonces veñen os guardias e préndennos. Tu vas á misa e cantas.

Miña nai está preñada
do cura de Villardeira,
e meu pai non sabe nada;
non ha de haber mala adellada
así que sepa a estouciñada.

Entonces o pequeno foi á misa e cando o cura lle mandou que cantara, cantou así:

Miña nai está preñada
do cura de Villardeira,
e meu pai non sabe nada;
non ha de haber mala adellada
así que sepa a estouciñada.

E dixo o cura:

-¡Orates, frates! ¡Con pícaros nunca me trates!

O cura de Bouzoa [32]

Na parroquia de Bouzoa había un cura cunha criada; e encargháranlle moita familia á criada. Entonces vai e dixo (…) Foi e encarghoulle moita familia.

E aquil cura tiña dúas vacas e o sancristán rouboulle un becerro ó cura. E os rapaciños fartiños de carne de becerro dicían:

-O becerro do cura de Bouzoa roubouno o noso pai e comémolo nós.

O señor cura sentiuno e díxolles:

-Pois cantade o que fixo o voso pai. E mañá cando entre pa misa, vides.

E foron, tocou á misa e púxoos alí no altar. E cando se iba revolver pra facer a predicación dixo:

---

[31] Abadín4:196. Recollido en Moncelos, Abadín.

[32] CNC:385. Recollido en Pereira, Chantada, Lugo, de José Fernández Lovelle, de 77 anos de idade en 1998.

-Amadísimos hermanos van cantar dos niños una verdad más clara que el evangelio de la misa que estamos celebrando. Cantar niños.

E en vez de cantar "*O becerro do cura de Bouzoa roubouno o noso pai e comémolo nós*", empezaron a cantar:

El cura chiquito
duerme con mi madre
que risa sería
si mi padre lo sabe.

O outro dixo:

-Orad hermanos e ós rapaces non metades.

O mesmo conto recólleo Urbano Santana [33] do seguinte xeito:


Dos cregos o que se conta sole ser todo salíndolle todo mal.

Era un que estaba [34] na parróquea de Pexeirós, e roubárono unha noite; pero el [35], anque non o [36] sabía ben de certo, desconfiaba dun [37] home, seu feligrés; un día falou cun [38] fillo do tal que, inocente e pequeno [39], confesoulle [40] o roubo; pero como testigos non había, ofreceulle un traxe e unhos zapatos pra que o dixera o domingo, na misa, á vista [41] de todos; pero díxollo ó pai [42], e cando o [43] crego, despois de explicar [44] un pouco o conteñido do Evangelio [45], dixo: "*o que vai decir iste rapaz é tan certo como o Evangelio de hoxe* [46]*; rapaz, di* [47] *o que sabes*"; entonces o rapaz dixo: "*Miña nai anda p... do cura de Pexeirós, e meu pai non o* [48] *sabe, pero sabémolo nós*"; a tal contestación, o crego ¿qué diría senón?: *Orate frates, non me trates con rapaces* [49].

6.1.2. O sacrificio

A mata do animal é unha operación non agradable, como demostra o feito de que hai especialistas que discuten se se debe denominar *matanza* ou *sacrificio* [50] aínda que hoxe se di *sacrificar un animal* sen connotación relixiosa ningunha. En calquera caso é unha operación necesaria que foi evoluíndo en Europa na procura dun sistema que lle provoque ó animal o menor sufrimento posible.

33 Sandiás:112-113.
34 No texto: *qu'estaba*.
35 No texto: *él*.
36 No texto: *non'o*.
37 No texto: *d'un*.
38 No texto: *c'un*.
39 No texto: *... do tal, que inocente e pequeno,...*
40 No texto: *confesóulle*.
41 No texto: *a vista*.
42 No texto: *o pai*.
43 No texto: *cand'o*.
44 No texto: *despóis d'esplicar*.
45 Sic.
46 No texto: *com'o Evangelio de hoxe*.
47 No texto: *dí*.
48 No texto: *non'o*.
49 En *Terra de Melide* recóllese esta última exclamación como se fose un refrán: *Orate frates, non me trates con rapaces* (Mel2:463).
50 Por exemplo, Sanz Egaña, un clásico na inspección veterinaria, di o seguinte: *En los mataderos no se hacen sacrificios, se hacen matanzas. Es incorrecto emplear el término 'sacrificio', aun cuando el uso familiar lo admita como sinónimo de 'matanza'*. Esta opinión non é compartida polo DRAG, que dá como segunda acepción o significado de *matar un animal para o seu consumo*, nin polo DRAE, que o define, na terceira acepción, como *Matanza de animales, especialmente para el consumo*.



Representación medieval da mata dun boi nun capitel da Colexiata de Santa María do Campo, A Coruña (Alfredo Erias).

É moi probable que os matadoiros de vacún de Galicia fosen ata tempos recentes moi semellantes ó que Gustave Flaubert contemplou en 1847 na Bretaña francesa e do que dá unha patética descrición que remata nunha premonición dos campos de exterminio nazis.

> *(...) volvendo cara á vila escoitamos saír de por debaixo do tellado dun edificio cadrado xemidos e berros de queixa. Era o matadoiro.*
>
> *No umbral, un can grande lapaba nunha poza de sangue e tiraba de vagar, coa punta dos dentes, polo cordón azul dos intestinos dun boi, que lle acababan de botar. A porta das cabinas estaba aberta. Os matachíns, de brazos arremangados, levaban a cabo o seu ingrato labor. Suspendida, coa cabeza para abaixo e os pés atravesados á altura dos tendóns por unha barra con forma de bastón colgada do teito, unha vaca, sen alento e inchada coma un odre, tiña a pel do ventre fendida en dous colgallos. Víase cómo, a canda esta, se ía apartando pasiño a paso a capa de graxa que levaba por dentro, e como ía aparecendo sucesivamente dende o interior, co corte do coitelo, unha morea de cousas verdes, vermellas e negras, que tiñan cores magníficas. As entrañas fumegaban; a vida escapaba nun alento tépedo e nauseabundo. Preto de alí, un becerro deitado no chan fixaba no regueiro de sangue os seus ollos desorbitados polo espanto e tremía convulsamente a pesar das correas que lle apertaban as patas. Os seus flancos batíanse, as súas ventas abríanse. As outras salas estaban cheas de estertores prolongados, de berros estremecidos, de roucos brados. Distinguíase a voz dos que estaban sendo matados, a dos que morrían, a dos que ían morrer. Había berros singulares, entoacións dunha profunda desesperación que semellaban dicir palabras que case podiamos comprender. Nese momento veume á idea unha cidade terrible, unha cidade espantosa e desmesurada como podería ser unha Babilonia ou unha Babel de caníbales na que houbese matadoiros de homes; e procurei algo de agonía humana naqueles degolamentos que bramaban e saloucaban. Imaxinei rabaños de escravos levados alí, coa corda no pescozo e anoados a aneis de metal, para alimentar a amos que os comían en mesas de marfil, limpando a boca en panos de púrpura. ¿Terían eles xestos máis abatidos, olladas máis tristes, súplicas máis magoantes? (GF:204-205).*

A matanza das reses de abasto e tódalas operacións que seguen buscan como obxectivo abastece-lo mercado de carne apta para o consumo, obxectivo que define as condicións hixiénico-sanitarias que deben rexir todo o proceso, desde a cría dos animais ata a distribución e comercialización da carne, pasando polas fases de sacrificio e carnización [51]. Outros factores que condicionan nestas operacións son de índole económica, humanitaria, evitando sufrimentos inútiles nos animais, e de policía sanitaria no control das enfermidades transmisibles específicas do gando.

O proceso de matanza comeza coa recepción dos animais, que debe incluír un periodo de repouso para que se recuperen da fatiga do transporte, repouso imprescindible para conseguir despois unha boa exsanguinación; e segue coa inspección *ante mortem* que veremos máis adiante no apartado da *Inspección veterinaria*.

[51] É o que hoxe se denomina como *seguridade alimentaria desde a granxa á mesa.*



Insensibilización por bala cativa, previa á sangradura.

Logo, as reses declaradas aptas para o sacrificio son conducidas a través de mangas á sala de matanza. A mata, que se realiza por sangradura, debe ir precedido obrigatoriamente dunha insensibilización do animal para evitarlle sufrimentos (e, simultaneamente, evitar riscos ós operarios). A sangradura é o que realmente provoca a morte do animal e, se se fai correcta e completamente, permite a obtención dunha carne máis branca e favorece notablemente a conservación posterior da carne. Realízase, no caso do gando vacún, seccionando os grandes vasos (aorta e vea cava) á entrada do peito, estando o animal pendurado dunha pata, o que facilita a saída do sangue.

Xa morto o animal, a fase seguinte consiste no esfolado da res, que describiremos máis adiante.

5215 **degoladura** *s.f.* Incisión que se lle fai ás reses na gorxa para sacrificalas por sangradura. (ERG).

5216 **mata** *s.f.* Sacrificio [dun animal de abasto]. Aplícase normalmente ó sacrificio domiciliario do porco pero neste caso refírese especificamente a unha becerra. *Aquil ano tocáralle de telo a Lourenzo, i o Quiñolas puido presenciar as operacións da mata, vendo con sobresalto e lástema cómo o matachín levantaba o machado grande con que partía leña seu pai, e lle zorregaba coa cota antre os cornos ó probe animal, que caíu coma fendido por unha centella*. (GB2:147).

5217 **matanza das chapreiras** *s.comp.f.* Costume, xa desaparecido, de matar unha becerra en común nas festas dunha parroquia do concello da Coruña. ERG define deste xeito o que é a *matanza das chapreiras*: "Denominación que se dió a una costumbre, hace tiempo desaparecida, con que los vecinos de una parroquia que hoy forma parte del Ayuntamiento de La Coruña celebraban su fiesta tradicional, comprando de común acuerdo entre todos una ternera para sacrificarla y repartirla la víspera de la ROMAXE, en una robleda a orillas del río donde se hacía el reparto". Llópiz recolle o refrán *San Cristovo logo chega, imos mercando a chapreira*, e localiza a festa en Viñas, preto da Coruña. (ERG).

5218 **carnear** *v.* Sacrifica-las vacas na *Festa das Sete Vacas* de Tebra. *O verbo local pra desinar este feito é 'carnear': 'Este ano non carneamos en Cimadevilla'*. (Tebra2:12).

5219 **degolar 1** *v.* Matar un animal por medio dunha sangradura efectuada cravándolle un coitelo no pescozo. (Gro1).

5220 **sangrar 1** *v.* Provocar a hemorraxia nas vacas no sacrificio ata consegui-la exsanguinación total. (Cab., Cre., Mon).

5221 **dar cachote** *loc. v.* Insensibilizar [un animal], antes da sangradura, dándolle un forte golpe na testa. Tanto ERG como LT2 definen esta expresión como matar un animal dándolle un golpe na cabeza. Realmente, o que mata o animal é a sangradura posterior, máis có propio golpe que o que pretende é insensibilizalo para facilitarlle a acción ó matachín. No porco, máis manexable por ser de menor tamaño, non se realizaba esta insensibilización previa. Convén sinalar que a actual lexislación vixente, buscando evitar sufrimentos innecesarios nas reses de absto, prohibe tanto o aturdimento por un golpe na cabeza como a sangradura sen insensibilización previa, en calquera especie. (ERG, LT2).

Lenda da Virxen do Monte e a lagoa de Cospeito [52]

En Cospeito, na aba do monte pequeno que forma a Feira do Monte, hai unha lagoa que lle chaman dos patos, e máis volgarmente lagoa de Valverde. E, xunto dela, no alto, alevántase o sagrado da Virxen do Monte, que é de moita sona e moi visitada por toda esta comarca.

E din que, no sitio onde hoxe en día está a lagoa, había nalgún tempo unha vila que chamaban de Valverde, que era moi importante, e que un día foi á vila un probe e pidío pousada, ou siquera algún cortizo onde pasar aquela noite. E unhos din que era un probe home que iba polas portas do mundo, e outros que era a mesma Virxen en persoa, pero disfrazada. O caso é que naide tiña lástema daquel probe, i, en vista do caso, el salío do poblado e foise a unha casiña que había na Feira do Monte onda unha familia que tamén era moi probe, anque honra non lles faltaba. E esta familia recibíuno de moi bon agrado. E, como non tiñan apenas qué comer, detreminaron de matar a única becerra que lles quedaba, pra poder darlle de cenar ao probe.

E, desque cenaron, o probe ordenou [53] que os ósos grandes os botasen nunha corte, e os ósos pequenos noutra.

E, ao outro día ben cedo, ergueuse o probe e comenzou a chamar polo dono da casa, e mandarlles munxir as vacas e botar os becerros a mamar. E o dono seguía durmindo, e non lle facía ningún caso. Pero o probe seguía berrando o mismo, e o dono negábase, e dicíalle:

-¿Cómo hei de munxir as vacas e botar os becerros a mamar, homiño de Dios, se a única becerra que tiña mateina a víspera para poder faguer a cena de todos?

I o probe contestoulle:

-Tan certo é que tes becerros e vacas
como que a vila de Valverde
asulagouse nas augas.

E, con esto, o probe desapareceo e non se vío máis. E o amo e a súa familia saliron pola porta e viron que, tal como dixera aquel probe, a vila de Valverde fora afundida en castigo do mal que o tratara. E logo foron ás cortes, e atoparon que, naquela onde botaran os ósos grandes, había vacas, e na outra, onde botaran os ósos pequenos, había becerros. E eles puxéronse moi contentos.

Pero no sitio da Vila de Valverde todo era unha gran lagoa, e, no alto do monte, había unha capela cunha imaxen da Virxen, que, por alcontrarse en chamarro, lle chamaron a Virxen do Monte, e así lle quedou.

Cando eu era cativo, aínda contaban que aló, nos fondales da lagoa, e cando viñan as secas do vrao, víanse as chamineas dalgunhas [54] casas fundidas e mais a [55] torre da igrexa [56], e hai quen di que hasta se sentían as campás daquela [57] vila desgraciada de Valverde.

A lagoa de Valverde [58]

Cóntase que preto da Feira do Monte hai unha lagoa que lle chaman a lagoa de Valverde.

---

[52] FINGOI: 217-218. Na primeira edición, de 1963, o conto titulábase dunha forma máis expresiva: *Matar unha vaca en signo de hospitalidade*. Segundo escribe a *Gran Enciclopedia Galega* 2003, s.v. *Cospeito*, parece ser que o Licenciado Molina, na *Descripción de Reino de Galicia* (Mondoñedo) xa recollera en 1550 a lenda que corría entre os veciños en relación co asolagamento dos palafitos ou cidades lacustres que se erguían nas lagoas de Cospeito e de Nabalverde. A lenda contaba que durante os meses de verán podía escoitarse no centro da lagoa o berro dunha vaca e que nos anos de seca podíanse coller na lama do fondo pedras labradas, ladrillos, obxectos de ferro e útiles de cociña que viñan daqueles primeiros poboadores. Outra versión da lenda atribúe o asolagamento ó castigo que infrinxiu ós egoístas veciños o pobre ou a Virxe do conto, e que esta, para lembra-lo miragre, mandou construí-la súa capela no lugar do Monte, onde hoxe se levanta o tempo de Santa María da Feira do Monte. Segundo a GEG (1990) *En A Feira do Monte, que dió nombre a la capital del municipio y cuya existencia ya aparece documentada en el s. XVII, se realizan, el tercer domingo de cada mes, abundantes transaciones en ganado vacuno y de cerda, cereales...*".

[53] No texto: *ordenóu*. Tamén no resto do texto: *erguéuse*, *comenzóu*, *matéina*, *contestóulle*, *asolagóuse*, *quedóu*

[54] No texto: *de algunhas*.

[55] No texto: *e máis a*.

[56] No texto: *igresia.*

[57] No texto: *de aquela*.

[58] Lea:84.

Din que no sitio onde hoxe está a lagoa nalgún tempo houbo unha vila que se chamaba Valverde e que un día foi pola vila un pobre que ía pedindo pousada ou algún cortizo para dormir.

Uns dicían que era un home que ía polas portas do mundo e outros que era a mesma Virxe en persoa, pero disfrazada. O caso é que ninguén tiña lástima del e, como viu que ninguén lle axudaba, marchou do pobo e foise a unha casiña da Feira do Monte onde o acolleron moi ben. Nela habitaba unha familia que era moi pobre pero tiña moita honra. Como non tiñan para poder comer o amo decidiu mata-la única becerra que tiñan. E cando acabaron de comer, o pobre díxolles que botasen os ósos grandes nunha corte e os pequenos noutra. Ó día seguinte o primeiro en despertar foi o pobre, que comezou a chamar polo dono da casa que baixase muxi-las vacas e bota-los becerros a mamar. O dono seguía durmindo e non lle facía caso. Pero o pobre insistía. Entón o dono da casa díxolle que calase a boca porque a única becerra que tiña a matara [59] ara poder comer; nesto foi cando o pobre dixo:

-É tan certo que tes becerros e vacas como que a vila de Valverde se asolagou en augas.

Logo o pobre desapareceu e nunca máis se volveu a ver. O amo e a súa familia saíron pola porta e viron que era verdade o que aquel pobre dixera, que fora o castigo do mal que o trataran. Despois o amo foi ás cortes e viu que de verdade tiñan becerros e vacas.

Chámanlle a Virxe do Monte porque no alto do monte había unha imaxe da Virxe.

E cando vén o verán coas súas secas, nos fondais da lagoa din que se ven as chimeneas dalgunhas casas e a torre da igrexa moitos din senti-las campás daquela desgraciada vila de Valverde.

A xuvenquiña [60]

Cando Noso Señor andaba polo mundo, pideu [61] unha vez pousada na caseta dunha [62] velliña. Ó [63] chegar a hora da cea, díxolle El Señor:

-E logo ¿que [64] *me vai poñer de cea?*

-Pois, Señoriño, pan e auga, porque outra cousa n'a teño, fóra desa [65] *becerriña que berra na corte e* [66], *si a mato, quédome sen nada neste* [67] *mundo*.

-Pois mátea, muller, mátea, que Dios ha de dar.

-¡Arrenegado! ¡o que manda vostede! Non podo, Señor, [68] *non podo, pois ela é todo o meu tesouro.*

Disculpábase así a vella; mais despois [69] de moito relear, foi obedecendo e matou [70] a xuvenquiña, o seu tesouro. Perparouna do mellor modo que soupo e [71] púxolla a [72] Noso Señor pra cear. Comeu il moi ben, pro con coidado, procurando apartar os ósos grandes pra un lado e os pequenos pra outro. Rematada a cea, mandoulle á vella [73] que enterrase aqueles ósos en dous cornellos da corte.

Fixo a vella todo canto o seu hóspede lle mandaba e logo fóronse deitar.

---

59 No texto: *a matáraa*.
60 Mel2: 467-468.
61 No texto: *pol-o mundo, pidéu*.
62 No texto: *d'unha*.
63 No texto: *ô*.
64 No texto: *, qué*.
65 No texto: *fora d'esa*.
66 No texto: *e si*.
67 No texto: *n-este*.
68 No texto: *,señor,*.
69 No texto: *despóis*.
70 No texto: *matóu*. Tamén no resto do texto: *Coméu*.
71 No texto: *,e*.
72 No texto: *á*.
73 No texto: *â vella*.

Endoutro día á mañán [74] cedo, díxolle El Señor á [75] dona da casa:
-Señora, érgase e muxa esas vacas que están [76] berrando na corte.
-Pro ¿como [77] quere que muxa as vacas que non hai?
-Vaia, muller, obedeza: ¿non as [78] sinte berrar?
-Sinto, si [79], Señor, pero sonlle as vacas do veciño.
-Non son, muller, non; vaia e xa o verá.
Foi a velliña á corte [80] e, ¡milagre aquel!, estaba chea de gando de toda clas [81].

O milagre dos becerros [82]

Un día o Noso Señor e mais San Pedro foron a outro sitio apartado, procurando chegar ós máis pequenos currunchos da Nosa Terra. Camiñaron pola cima dun monte e alá lonxe entre as árbores atoparon unha casiña de pedra na que vivía unha señoriña de moitos anos. Pedíronlle pousada para aquela noite e a velliña, moi contenta, aceptou dicíndolles:

- Pouco teño pero do que hai, haberá tamén para vós

Acomodáronse e falaron. Cando chegou a noite díxolle Xesús á vella:

- Teño moita fame. ¿Por que non mata esa becerra que ten aí e así poderemos comer ben os tres?

- A becerra non a mato. É a única cousa que teño e non podo quedarme sen ela.

San Pedro insistiu:

- Non teña medo, señoriña. Todo canto temos neste mundo, queda neste mundo, e está posto para nós facer uso axeitado del. Agora é o momento de saciar a nasa fame coa becerra.

A fame era poderosa e a vella comprendeu: mataron a becerra e probaron a asar no lume uns bos anacos de costela. Mentres comían, Xesús e San Pedro ían tirando os ósos pequenos para un cortello que había cerca da lareira e os ósos grandes para unha corte que había do outro lado.

Despois de cear cumpridamente, deitáronse a descansar.

Pola mañá os dous homes ergueron dicíndolle á velliña:

- ¡Miña santiña, veña muxi-las vacas, que están berrando!

- Pero si eu non teño vacas. Só tiña a becerra e matámola onte.

Abriu os ollos abraiada ó chegar á corte e ós cortellos. Alí estaban as vacas, unhas boas e grandes vacas, e os becerros.

Contan as xentes de por aquí que estes feitos sucederon cando Xesucristo peregrinou polo mundo en compañía dos seus apóstolos, ensinándolles a evanxelizar.

6.1.3. O matachín

5222 **beche** *s.m.* Matarife, cortador. (ERG).
5223 **gandalleiro** *s.m.* Matarife que nas aldeas sacrificaba o gando vacún. (ERG).
5224 **macelleiro** *s.m.* Arcaico, matarife. (VLLM).
5225 **matachín** *s.m.* Matarife. ERG aplícao ó que mata porcos. *Na víspora viñan os matachíns que, ademáis de matar, tiñan a obriga de repartir a carne antre os que entraran na compra*. (GB2:147). (ERG, GB2, XLF).
5226 **matador 1** *s.m.* Matarife. (Ctel1).
5227 **matón** *s.m.* Matarife. (ERG).
5228 **morralleiro** *s.m.* Tratante en carne de animais que mercaba a piques de morrer ou incluso xa mortos. (Parade.).

[74] No texto: *â mañán*.
[75] No texto: *â*.
[76] No texto: *qu'están*.
[77] No texto: *,cómo*.
[78] No texto: *non-as*.
[79] No texto: *sí*.
[80] No texto: *â corte*.
[81] No texto: *clás*.
[82] MINI. Recollido en Mesía a Dª M. Ferreiro e Dª D. Núñez.

Cada un no que trata mata. (XTC4)
Cada un trata do que mata. (ERG:tratar; Riba1:209)
O que non teña diñeiro, venda a vaca ó macelleiro. (VLLM:1,149) [83]

6.1.4. Esfolar

O proceso de esfolado consiste na extracción da pel a partir dun corte realizado ó longo da liña media ventral, prolongado logo con outros cortes na cara interna das catro extremidades. O operario utiliza o coitelo e mais medios de tracción mecánicos, evitando en todo momento maltrata-la pel, por razóns hixiénicas, e o tecido muscular, por razóns económicas. Debe facerse co animal colgado para que a pel vaia caendo ó chan sen contactar coa carne.



Fase de esfolado.

5229 **esfolador** *s.m.* Persoa que esfola a res sacrificada. (ERG).
5230 **espelexador** *s.m. Ú. t. c. adx.* Ver ESFOLADOR /5229. (ERG).
5231 **despelexar** *v.* Ver ESFOLAR /5233. (ERG).
5232 **erfolar** *v.* Ver ESFOLAR /5233. Tamén ten o significado de abrir [o animal] para evisceralo. (Gro1).
5233 **esfolar** *v.* Arrincarlle o pelexo [a un animal] despois de sacrificalo. *Veu logo cómo o home lle metía o coitelo pra quitarlle o sangue e cómo o esfolaban arrincándolle o coiro, e cómo, despóis de tirarlle o bandullo e demáis partes do interior, facía a partilla* (GB2:147). (Común).
5234 **espelexar** *v.* Ver ESFOLAR /5233. (ERG).
5235 **pelar** *v.* Esfolar, arrinca-la pel [dun animal sacrificado]. (ERG).

Andar, andar, que o rabo está por esfolar. (ERG:andar) [84]
O rabo da vaca é o máis malo de esfolar. (Porr4)

[83] Llópiz explica que *macelleiro* é palabra do galego arcaico que significa o matarife ou mesmo a cortaduría e di que é un derivado de *macelo*, instrumento con que se sacrificaba a res.
[84] *Esta-lo rabo por esfolar*: dise do asunto no que falta moito por facer e aínda o máis duro e difícil.

O rabo da vaca sempre foi o máis malo de esfolar. (VS) [85]
Un mata e outro esfola. (MVN2:102) [86]
Uns matan e outros esfolan. (ERG:matar; XAB1:42) [87]

6.1.5. A preparación da canal

En esfolando a res, comeza a preparación da canal, tamén chamada *carnización* [88]: conxunto de operacións ás que se someten os animais de abasto para a formación da canal, é dicir, para a súa transformación en carne, despoxos e outros subprodutos.

A primeira operación consiste na evisceración: retirada de tódalas vísceras pelvianas, intestinais e torácicas que, segundo o caso, se destinarán ó consumo ou non. Para evitar calquera contaminación desde as vísceras á carne, esta operación debe facerse rápida e coidadosamente, procurando que o coitelo do matachín non afecte as paredes das vísceras, liberando o seu contido. A evisceración comeza co corte da liña branca abdominal, desde a pelve ata o esterno, e logo este lonxitudinalmente, co que queda o corpo aberto e as vísceras ó descuberto. Co animal pendurado das patas traseiras, procédese a retirar, por esta orde, os órganos pelvianos (vexiga da urina, útero, pene), as vísceras abdominais (intestinos e preestómagos) e finalmente os órganos da cavidade torácica (pulmóns e corazón, xunto coa lámina do diafragma). Aquelas vísceras que van destinarse ó consumo humano acompañarán paralelamente á canal para seren sometidas á inspección veterinaria; o resto derívase a outra zona do matadoiro para a súa destrución ou aproveitamento industrial.

Eviscerada a res, remátase a preparación cunha serie de operacións que se engloban baixo o concepto de *formación da canal*, e que consiste no corte da cabeza (á altura da articulación do cranio coa primeira vértebra cervical), das patas (á altura do carpo e do tarso), do rabo, a eliminación dos riles e da graxa desta rexión, do ubre ou os testículos, e a limpeza das partes do pescozo e peito manchadas co sangue da sangradura, restos dos grandes vasos adheridos á columna vertebral etc.



Presentación en medias canais no matadoiro.

[85] VS recolle tamén a variante *sempre é.*
[86] No texto: *esfóla*.
[87] ERG: *Us*. Este refrán tanto se pode referir ó gando vacún coma ó porcino.
[88] Operación coñecida adoito polo seu nome en castelán, *faenado*.

Como resultado de todas estas operacións obtémo-la canal, unidade comercial que expende o matadoiro ás cortadorías ou ás industrias de transformación. Por razóns evidentes de peso e manexabilidade, así como por razóns comerciais e tamén para facilita-la inspección, a canal divídese no mesmo matadoiro en dúas medias canais cortadas lonxitudinalmente ó longo da columna vertebral e estas medias canais, normalmente, en cuartos de canal. En ocasións, cada media canal divídese en tres trozos.

Tamén estas divisións, e as características de calidade da canal, son obxecto de normas estandarizadoras que buscan a harmonización dos intereses do gandeiro, do matadoiro, do industrial, do carniceiro e do consumidor, de forma que tódolos sectores interesados teñan criterios comúns para denominar e identifica-las pezas e as súas calidades. En consecuencia, as liñas de división da canal e as características de calidade están normalizadas e descritas desde 1975 (ver 6.3.1.3. *A estandarización dos cortes*).

Canal: corpo enteiro da res despois do desangrado, esfolado e eviscerado, e trala eliminación da cabeza a nivel da articulación occipito-atloidea, das patas a nivel do carpo e do tarso, do extremo do rabo e das mamas. Conserva o nacemento do rabo e a porción carnosa do diafragma pero non os piares, e coa graxa de cobertura íntegra.

Media canal: cada unha das partes resultantes da división á metade da canal en sentido lonxitudinal, seguindo o plano de simetría que pasa polo centro da columna vertebral, sínfise isquiopubiana e esterno, eliminando a medula espiñal e deixando cargado o rabo na media canal esquerda.

Cuartos de canal: partes anterior ou craneal (cuarto dianteiro) e posterior ou caudal (cuarto traseiro) resultantes de subdividi-la media canal en dúas partes mediante un corte en ángulo recto respecto ó raque entre a 7ª e a 8ª costela.

Cuarto pistola: parte posterior ou caudal da media canal, separada entre a 5ª e a 6ª costela (cuarto largo), e unha vez suprimida a faldra e parte do costeleiro, mediante un corte que, redondeando a masa muscular da perna por diante, sexa paralelo ó bordo externo da media canal, de tal forma que a porción de costela que leve a costeleta non sobrepase a metade do espesor da masa muscular do lombo. Normalmente denomínase, simplemente, *pistola*. Optativamente, o corte poderá efectuarse entre a 7ª e a 8ª costela, denominándose entón *cuarto de pistola curto*.

Nas canais comercializadas baixo o selo de Indicación Xeográfica Protexida *Ternera Gallega*, o corte que divide os cuartos de canal faise entre a 4ª e a 5ª vértebras e ó longo do bordo posterior da 4ª costela, ó que dá lugar a un *cuarto dianteiro catro costelas* e a un *cuarto traseiro nove costelas*.

Rematada a preparación da canal, esta pasa ás cámaras frigoríficas ata o momento da súa expedición comercial, e nelas sofre o fenómeno de *maduración* da carne. Esta fase pretende algo máis có simple almacenamento frigorífico durante un ou varios días: a maduración é imprescindible para que a carne alcance as propiedades organolépticas imprescindibles para o seu consumo. En morrendo o animal e convertido en carne, comezan a producirse no tecido muscular unha serie de transformacións físicas e químicas, que dan lugar, primeiro, a unha fase de rixidez muscular (*rigor mortis*) variable segundo a especie, idade, estado do animal antes do sacrificio, temperatura e humidade do almacenamento, presenza de determinadas enfermidades etc.; e, en segundo lugar, á fase de maduración ou autolise, con distintos procesos de degradación das proteínas, que fan a carne máis branda, zumarenta e sápida.

Falando do termo *canal,* témo-la sospeita de que esta palabra hoxe dominante nos matadoiros, debe proceder do castelán, onde *como puerco en canal* xa se documenta en 1669 [89]. Tal e como diremos a seguir na entrada *canal 1*, o nome non parece se-lo primitivo, porque o resultado patrimonial galego da palabra latina *canalem* é *cal* ou *canle* e de xénero feminino. Pero xa o TILG o detecta en galego dende 1886: *o morto* ***en canal*** *abreron sacándolle un raxo* (1886); *cun coitelo de mata-los porcos ábrem'****en canal*** (1917); *Vaia, deixádeme agora co defunto a contas qu'o vou a abrir* ***en canal*** *pra lle sacar o unto* (1920). Non sabémo-lo que se dicía antes pero non sería estraño que *en canal* se dixese ***en folla*** como explicaremos na voz *canal 1*.

5236 **aireo** *s.m.* Tempo de espera da canal, antes da súa comercialización, para que se produza a maduración da carne. (Com8, Gro9).

5237 **canal 1** *s.m./f.* Corpo do animal sacrificado e despois de lle extrae-la pel, a cabeza, as patas e mailas vísceras. Parece común o significado da palabra pero non o xénero, sobre o que temos moitas dúbidas. A palabra con esta acepción

[89] E en 1832 *clase de carnes de consumo, ya sea en vivo, muerta, en canal, en salazon, ó condimento* (CORDE).

ten xénero feminino en castelán e é posible que a intervención oficial no sacrificio do gando e no comercio da carne impuxese non só a palabra senón tamén o seu xénero feminino. Inflúe nesa valoración como común o feito de que as nosas fontes ou non falan deste asunto ou son veterinarios ou persoas que utilizan esta palabra en castelán, porque en castelán estaba ata hai pouco toda a literatura técnica e comercial. En calquera caso un informante moi fiable, que viviu toda a vida nas feiras e que tivo moita relación mesmo familiar con cortadorías, como é Ctel1, insiste en que "todo o mundo di *o canal*". Temos, mesmo así, que preguntarnos ¿como se introduciu unha palabra que non responde ós patróns gramaticais galegos? ¿Que había detrás? Sospeitamos que había a palabra *folla*, xa que o animal aberto semella un díptico, con dúas follas. E en Galicia son populares a *folla de bacallau*, a *folla da cacheira*, a *folla de touciño*; en certa medida a mesma imaxe utilizamos cando falamos da *folla da porta* e da *folla da ventá*. Ten neste caso interese o exemplo, porque as portas chamadas *de vento*, aquelas partidas á metade horizontalmente, tamén se chaman *portas de media folla*. Ben, pois en Tebra -di Franco Grande- *feito isto, o matachín procede a fender a res, ao longo do espiñazo, en dúas follas, de xeito que o corte vai xusto polo medio do espiñazo, cortando as vértebras. Despóis parte ao medio cada folla -cada metade- pola costela número oito, a contar de abaixo pra riba (dende a cabeza, pois a res está pendurada coa cabeza pra baixo* (Tebra2:15). Que algo baleirado se compare a unha folla dáse tamén no caso do limón exprimido, como indica esta cantiga recollida en Guntín: *Anq'estou aquí cantando/ sabe Dios, meu corazón,/ teñ'o máis amarillo/ que as follas dun limón* (Zolle). Finalmente en Moraña recollémo-la expresión *en folla* co significado de "aínda non usado, aínda non lavado" (Mora5). (Común).

5238 **carto** *s.m.* Metade dun cuarto dianteiro ou traseiro, é dicir, a oitava parte da canal. *Logo dáselle a cada media folla un corte ao traveso* […] *de xeito que cada unha delas queda dividida en catro partes. Estes son os 'cartos'*. (Tebra2:16).

5239 **dianteiro** *s.m.* Unidade de venda no matadoiro formado pola media canal anterior. (Común).

5240 **folla 2** *s.f.* Ver MEDIA CANAL /5245. Ver tamén o comentario a CANAL 1 /5237. (Tebra2).

5241 **rabada 2** *s.f.* Cuarto traseiro dos animais sacrificados. No Rio de Janeiro, en cambio, a rabada é mesmamente a carne do rabo (LOliveira). (ERG).

5242 **recarto** *s.m.* Metade dun cuarto, é dicir, a dezaseisava parte da canal. (Tebra2).

5243 **carto dianteiro** *s.comp.m.* Cada unha das metades dianteiras da media canal, cortando esta á altura da costela número oito. (Tebra2).

5244 **carto traseiro** *s.comp.m.* Cada unha das metades traseiras da media canal. (Tebra2).

5245 **media canal** *s.comp.f.* Metade da canal dunha res de abasto, cortada ó longo do espiñazo. (Común).

5246 **destripar** *v.* Eviscerar [unha res], tirarlle as tripas. (ERG, MVN).

5247 **escuartizar** *v.* Corta-la canal [do animal sacrificado] en cuartos ou pezas menores. (Gro3, Vil.).

5248 **esmondongar** *v.* Eviscerar, quita-lo *mondongo* (os intestinos e a panza) [a unha res]. (ERG).

5249 **eviscerar** *v.* Extrae-las vísceras [dun animal sacrificado]. (Gro5).

5250 **mondongar** *v.* Ver ESMONDONGAR /5248. (ERG).

5251 **partir 1** *v.* Despeza-la canal. *O rifante merca os becerros nas feiras ou polas portas e logo mátaos il ou chama ó matachín pra que llo faga. Morto o animal, párteo e na súa tenda, macelo, vaino vendendo* (XLF:620). (Gro1, XLF).

5252 **cortar a catro paus** *loc. v.* Dividi-la media canal en dous cuartos ó nivel da cuarta costela. (Com7).

5253 **facer a partilla** *loc. v.* Despezar unha canal dividindo carne e vísceras en tantas partes como persoas entran no reparto. *Veu logo cómo o home lle metía o coitelo pra quitarlle o sangue e cómo o esfolaban arrincándolle o coiro, e cómo, despóis de tirarlle o bandullo e demáis partes do interior, facía a partilla, valéndose dun pau atravesado nunha corda que penduraba dunha trandeira da viña, a xeito de balanza*. (GB2:147).

¡Ánimo, tripeiras, que a vaca berra! (VLLM:1,128) [90]

[90] Llópiz di que o recolle a súa irmá Mª Victoria en Ferrol en 1953. Tamén se recolle en Portugal, como expresión de irritación ou espanto: *ânimo, tripeiras, que berra a vaca* (P. Chaves). (DMA:243).

6.1.6. A arca

5254 **arca 1** *s.f.* Caixa torácica, espazo comprendido dentro do costeleiro. En plural recólleo Leir-A. (Común. ILG:116 (C:42, LU:26, OU:15, PO:30, GExt.:3)).
5255 **arcada** *s.f.* Ver ARCA 1 /5254. (Com1, Figue2, Grixoa, Ortoño, PCal2, Rus, TapiaC, Vxoán).
5256 **caixa** *s.f.* Cavidade torácica. (Casal., Cruído, Salv3).
5257 **carcado** *s.m.* Arca ou tórax da vaca, porco, home etc. (Pont2).
5258 **xarca** *s.f.* Ver ARCA 1 /5254. (Morga).
5259 **arca da *sangre** *s.comp.f.* Ver ARCA 1 /5254. (Fuxás, Somo2, Teo).
5260 **arca do peito** *s.comp.f.* Ver ARCA 1 /5254. (Amandi, ERG, Frei., Noalla, Oroso2, Saiar).
5261 **arca do *sangre** *s.comp.f.* Ver ARCA 1 /5254. O noso informante escribe *arca du sangre*. (Pre.).

6.1.7. O conxunto das vísceras

5262 **asaduras 3** *s.f.pl.* Vísceras do gando vacún. (Cab., CP, Ctel1, ERG, Goián, MVN, Porto, Ram.).
5263 **baldrallada** *s.f.* Conxunto das vísceras dun animal. (Xun2).
5264 **bandullo 3** *s.m.* Conxunto dos estómagos e mailos intestinos. (Arc1, Caa., Cab., Cal., Ced., Com1, Cur., Dum., Goián, Gud., Gun., Incio, Laxe, Ram., Razo, Sob., Sou3, Toba, Vala).
5265 **buchada 1** *s.f.* Conxunto de buche -estómago- e intestinos dos animais. Crespo dáo como moi común. (CP).
5266 **caídas** *s.f.pl.* Vísceras do gando. O noso informante de Ancares2 recólleo en singular, *caída*, para designa-la "cabeza, vísceras y patas del animal", e localízao en Villacidayo (León). Verardo García Rey non o localiza, pero lembremos que recolle o vocabulario do Bierzo. (VGR).
5267 **corada 4** *s.f.* Conxunto das vísceras dun animal. Ver CORADA 1 /5289. (ERG).
5268 **entenas 2** *s.f.pl.* Ver ENTRAÑAS 1 /5270. (ERG).
5269 **entranas** *s.f.pl.* Ver ENTRAÑAS 1 /5270. Hipergaleguismo. (CP, ERG).
5270 **entrañas 1** *s.f.pl.* Vísceras da cavidade abdominal dos animais. (CP, ERG).
5271 **fígados** *s.m.pl.* Entrañas, vísceras. (CP, Fri., Gro1).
5272 **miudanzas** *s.f.pl.* Ver MIÚDOS 2 /5273. (Toba).
5273 **miúdos 2** *s.m.pl.* Conxunto das vísceras do animal. ERG recólleo en singular como "vientre, manos y sangre de las reses que se matan", e en plural como "despojos pequeños que quedan del cerdo después de destrozado". Debemos diferenciar entre *miúdos*: vísceras comestibles dunha res de abasto, e *despoxos*: vísceras non comestibles que se desbotan ou se destinan a usos industriais. As nosas fontes non especifican se aplican o término *miúdos* só ás vísceras comestibles ou se é un concepto máis xenérico. (Com1, Ctel1, ERG, Mra., Ram., San.).
5274 **mondongada** *s.f.* Conxunto das vísceras abdominais. (ERG).
5275 **mondongo** *s.m.* Conxunto das vísceras abdominais. (ERG).
5276 **tripicallada** *s.f.* Conxunto de tripas e callos. (ERG).
5277 **ventre 3** *s.m.* Cavidade do corpo que contén o estómago e os intestinos. (ERG).
5278 **ventre 4** *s.m.* Conxunto de vísceras contidas na cavidade abdominal. (Antas3, ERG).
5279 ***entretelas** *s.f. Ú. m. en pl.* Entrañas. Ver, en cambio, *ENTRETELA /4945, co significado de diafragma. (ERG).

6.1.8. A raigada

Como xa vimos, durante a evisceración da res sepáranse primeiro as vísceras abdominais (intestinos, panza, vexiga, útero) e logo as vísceras torácicas. Estas últimas extráense da arca formando un conxunto anatómico denominado popularmente *alegrías* ou *raigada*, constituído polos pulmóns, o corazón e a parte laminar do diafragma, agrupado todo ó redor da traquea, da que se colga no matadoiro nuns ganchos para permiti-la súa inspección.

5280 **alegrías** *s.f.pl.* Pulmóns e, por extensión, conxunto das vísceras contidas na cavidade torácica. Outras fontes, como ERG, aplican esta voz só ós liviáns do porco, probablemente por se-los máis coñecidos polo común da xente. (Arc1, Cam1, Cod., Com1, CP, Cur., Dum., Feás-A, Laxe, Nove., Oirós, Pont., Razo, San., SComba, Sob., Toba).
5281 **arraiga** *s.f.* Contido da caixa torácica (pulmóns e corazón). (Com1).
5282 **arraigada 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Bofes, liviáns. (Bece., ERG).
5283 **arraigha** *s.f.* Ver ARRAIGA /5281. A nosa fonte escribe *arraija*. (Conxo).
5284 **asaduras 2** *s.f.pl.* Pulmóns. (Ped1).

5285 **bocha** *s.f.* Ver BOCHE 2 /5288. (Mez).

5286 **bochada 1** *s.f.* Conxunto de pulmóns, traquea e larinxe. (CP, PAre1, Xun2).

5287 **bochada 2** *s.f.* Conxunto dos pulmóns, fígado, bazo, corazón, mediastino e porción membranosa do diafragma. (Arc1, Ctel1, Lama, Pont., Sou3).

5288 **boche 2** *s.m. U.m.en pl.* Conxunto das vísceras torácicas dos cuadrúpedos, coma o porco, boi, tenreiro etc. Na mesma voz, no capítulo de *Anatomía*, damos máis localizacións, sen que poidamos asegurar que nalgunha delas teña tamén este significado colectivo. (ERG).

5289 **corada 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Vísceras torácicas. (Ced., Cre., Gro5, Vala).

5290 **legrías** *s.f.pl.* Ver ALEGRÍAS /5280. (Com1).

5291 **raighada** *s.f.* Conxunto das vísceras torácicas -pulmóns e corazón, e mailo fígado. (Grixó).

5292 **reighada** *s.f.* Ver RAIGHADA /5291. (Arc1, Gro1).

5293 **sangradeira** *s.f.* Pulmóns. Debe o nome a que tralo sacrificio destilan sangue durante moito tempo. (Arc1, Sou3).

6.1.9. Separa-la graxa das tripas

Como remate da preparación da canal, procédese a distintas operacións que buscan completa-la súa presentación: eliminación de fragmentos de carne, graxa ou óso que puideron quedar sobre a carne, limpeza de manchas de sangue etc. Igualmente, elimínanse da canal tódolos depósitos graxos que afean e deprecian a carne e, concretamente, os depósitos localizados ó redor das vísceras e na cavidade renal. Na epígrafe 5.2.9. do capítulo *Anatomía: a graxa abdominal*, recolliámo-las voces que designan este acúmulo de graxa abdominal que se elimina, deixando agora só as que designan a operación correspondente.

5294 **desebar** *v.* Extraerlle a graxa intestinal [a un animal que se acaba de sacrificar]. (Com1).

5295 **desensebar** *v.* Ver DESEBAR /5294. (ERG).

6.1.10. A inspección da carne

Aínda que na epígrafe 6.3.2. entraremos en máis detalles, aquí chega con lembrar que a carne fresca presenta unhas características organolépticas propias que calquera coñece ben: unha cor vermella máis ou menos intensa segundo a idade do animal do que proceda (debida á presenza dun pigmento específico, a mioglobina, máis escaso en animais novos), aspecto brillante e húmido e un olor característico, imposible de definir.

Desde o mesmo momento da morte do animal, comezan a desenvolverse na carne unha serie de modificacións, de natureza física e bioquímica, que determinan a transformación do músculo en carne comestible, e que xa mencionamos como *maduración* da carne. Simultaneamente, aparecen tamén outras transformacións, estas de orixe microbiolóxica, que ó cabo de horas ou poucos días, segundo a hixiene seguida na obtención da carne e as condicións de conservación, van producir diferentes alteracións que poden chegar a converte-la carne nun produto non apto para o consumo.

As alteracións máis significativas e máis fáciles de apreciar afectan a cor e aspecto da carne e tamén o seu olor.

6.1.10.1. Limosidade

A primeira alteración apreciable na carne é o escurecemento, por oxidación da mioglobina, e a desaparición dese aspecto brillante e húmido para se converter nunha superficie mate e reseca. A maduración da carne pasa a unha fase de autolise, aínda sen aparición de microorganismos, que dá lugar a unha coración verdosa, superficial, consistencia branda e reacción marcadamente aceda.

Inmediatamente despois empezan a actua-los xermes da putrefacción, que aumentan a cor verdosa da superficie da carne, con aparición de manchas agrisadas, aumento da humidade e da viscosidade, dando lugar a unha superficie pegacenta.

5296 **murcio** *s.m. Ú. t. c. adx.* Limosidade que se forma nas carnes cando se inicia a súa putrefacción. Copiamos do *Diccionario* de Eladio Rodríguez: "adj. y s. Dícese de lo que empieza a *murciarse* o corromperse, como las carnes frescas o curadas [...] Generalmente se emplea siempre como sustantivo pues no es corriente decir: *carne murcia*, sino más bien: *esta carne tèn murcio*, *este pernil xa tèn un pouco de murcio*". (ERG).

5297 **amurciar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver MURCIAR /5299. (ERG).

5298 **esmolicrar** *v.* Rebrandecerse [a carne ou o peixe] cando inicia a súa descomposición. (Ced).

5299 **murciar** *v. Ú. t. c. prnl.* Criar *murcio* [as carnes frescas] ó empezaren a alterarse. (ERG).

6.1.10.2. Cheiro

O olor característico, agradable, da carne, mesmo antes da actuación dos fermentos segregados polos microorganismos, vai converténdose nun cheiro agre, moi desagradable, por formación de anhídrido sulfuroso, indol, amoníaco e outras substancias resultantes da hidrólise das proteínas. O cheiro a carne podre, facilmente apreciable, é o síntoma máis evidente do estado de alteración da carne, aínda que cómpre insistir en que esta pode presentar un nivel de contaminación perigoso para a saúde do consumidor antes de que se perciban olores desagradables.

Entre as voces que seguen, deben diferenciarse dous conceptos: cando designan o olor que se desprende da carne e, sobre todo, das vísceras do animal acabado de matar, debido a distintos ácidos graxos e outras substancias odoríferas que se evaporan ó quedaren os músculos e as vísceras ó descuberto, e que, aínda que para moitos resulte desagradable, non representa alteración ningunha; ou cando designan o cheiro que se produce ó iniciarse o proceso de descomposición, cheiro claramente desagradable.

5300 **bafío** *s.m.* Cheiro que desprende un animal sacrificado cando o evisceran. ERG escríbeo *bafío* e *vafío*. (ERG).

5301 **fresco** *s.m.* Ver FRESQUÍO /5303. (Mez).

5302 **frescuallo** *s.m.* Ver FRESQUÍO /5303. (Goián).

5303 **fresquío** *s.m.* Olor característico da carne do animal acabado de sacrificar. Rivas Quintas (Xun2) amplía a "olor y sabor a carne recién sacrificada". (Común).

5304 **fresquíu** *s.m.* Ver FRESQUÍO /5303. (Burón, San., Suarna).

5305 **frisquío** *s.m.* Ver FRESQUÍO /5303. (Marín).

5306 **ombrío** *s.m.* Cheiro da carne cando empeza a apodrecer. (Mez).

5307 **cebra** *adx.* [Carne] que, por non ter sido adobada, sabe mal. (SCilla).

5308 **oliscar** *v.* Comenzar a cheirar [a carne]. (ERG).

6.1.10.3. Vermes

Unha das primeiras consecuencias da alteración da carne é a chegada de diferentes especies de moscas [91], atraídas pola liberación das substancias propias da descomposición. Estes insectos son quen de captar estas substancias desde grandes distancias moito antes de que o cheiro sexa perceptible para o olfacto humano, e acoden a deposita-los seus paquetes de ovos buscando un medio nutritivo para o desenvolvemento das larvas que nacerán deles, normalmente antes das 24 horas da posta. Estas larvas son exclusivamente necrófagas: aliméntanse de tecidos mortos.

Son estas larvas o que vulgarmente se denominan *vermes*. Aparecen principalmente nas zonas ocultas, protexidas, formando grupos numerosos que dan á carne un aspecto repugnante, causa automática da súa retirada do consumo [92].

5309 **areixa** *s.f.* Ver CAREIXA /5311. (LCA1).

5310 **asén** *s.m.* Ver SEN /5314. (Com1, ERG, LCA1).

5311 **careixa** *s.f. Ú. m. en pl.* Larva de certas moscas que se cría nas carnes, touciños e queixos. (FA).

5312 **couza** *s.f.* Ver CAREIXA /5311. (Gud5).

5313 **murrión** *s.m.* Coco ou verme da carne. (Pentes1).

5314 **sen** *s.m.* Verme pequeno que se cría na carne cando empeza a podrecer. (Com1, ERG, Gro1, Laxe, LCA1, Razo, San.).

5315 **sese** *s.m.* Ver SEN /5314. *Cada ano matáballe o porco ós veciños do lugar, porque eso si, non había quen salase coma el, xamais se lle perdeu a carne no baño a ninguén, e nen sequera lle collía seses* (MRP:114). (Caa., Com1, Cur., Feás-A, Mel1, MRP, Nove., SCilla, Sob., Vala).

5315b **vareixa** *s.f.* Ver CAREIXA /5311. Cab., ERGa, LCA e Xun. escríbeno con be (*bareixa*). (Cab., ERGa, FMS, Fra., LCA, Xun.).

5316 **vesa 2** *s.f.* Especie de caruncho que converte en po a parte exterior da carne salgada. (FA).

5317 **mosca careixeira** *s.comp.f.* Mosca que anda na carne onde pon os ovos. Ver CAREIXA /5311. (Hermi., LP).

5318 **mosca da carne** *s.comp.f.* Mosca grande que pon os seus ovos na carne dos animais mortos. (Parade.).

---

[91] Referímonos tanto a mosca común (*Musca domestica*) como, principalmente, a mosca gris ou da carne (*Sarcophaga carnaria*), a moscarda verde (*Lucilia sericata*) e a mosca ou moscón azul (*Calliphora vomitoria* e *C. vicina*), dípteros da familia *Calliphoridae* especializados na materia orgánica en descomposición. Co paso do tempo, aparecerán sobre a carne en descomposición outras especies de insectos, dando lugar a unha cadea sucesoria na que se basea a entomoloxía forense.

[92] Aínda que, obxectivamente, o consumo desta carne non resultaría perigosa para a saúde do consumidor, a súa destrución é obrigada porque a presenza de larvas de insectos demostra unhas condicións de conservación totalmente inadecuadas e poden coexistir outras formas de contaminación que xa son perigosas. A simple presenza das moscas sobre a carne, portadoras normalmente nas patas e pelos dunha abundante flora bacteriana, é xa unha fonte de contaminación que se debe evitar por tódolos medios.

6.1.10.4. A inspección veterinaria

A inspección veterinaria da carne vén de vello. Na India, o *Código de Leis* de Gentoux ou o *Libro de Leis* de Manú falan da carne como alimento humano e dan normas para o consumo, establecendo xa animais permitidos e prohibidos. O *Thalmud* hebreo e o *Corán* dos mahometanos tamén marcan normas de hixiene alimentaria.

No Antigo Testamento xa se establecían algunhas condicións elementais no recoñecemento das carnes. Nos pactos que Deus fai con Noé (Xénese) e Moisés (Éxodo) entran estas condicións:

> *Todo o que vive e se move serviravos para mantenza. Dóuvolo todo, como vos dei os vexetais. Mais non comeredes carne co seu sangue, quere dicir, coa súa vida. (Xénese 9,3-4).*
>
> *Non comeredes carne de animais espedazados: botarédesllela ós cans (Ex. 22:31).*

En Exipto era obrigatorio recoñece-lo gando vacún antes e despois do sacrificio (exactamente igual que hoxe, na inspección *ante mortem* e *post mortem*). En vida reparaban moito na cor e pureza do pelo e, tralo sacrificio, un sacerdote, médico ou veterinario (médico de animais, daquela), examinaba coa vista e o olfacto a carne, os órganos e o sangue e, se non observaba problema ningún, colocaba un selo no animal [93].

Os romanos regulamentaron a mata dos animais, o abastecemento público de carne e maila venda nas cortadorías. Sábese que eles tiñan *inspectores ciborum* ou *curatores urbis*, axentes públicos que inspeccionaban os alimentos que estaban á venda nos mercados urbanos. Tamén crearon o matadoiro público, o *macellum*.

Durante a dominación musulmá ditouse no século XII o Tratado dos Hibsas para desenvolve-las actividades do *Al-muhtasi*, *almotacén* ou *mostaçaf*, nomes que recibían os inspectores e xuíces do mercado. Entre as súas funcións estaba o control das adulteracións ou falsificacións dos alimentos e dos medicamentos, a fiabilidade das básculas, así como a limpeza das rúas e a ordenación de prazas, comercios e mercados. Nos reinos cristiáns limítrofes, como Murcia, Aragón, Valencia e Castilla, adaptaron a figura do almotacén [94], nas que tamén desenvolvían as tarefas de controlar pesos e medidas e vixia-las moedas, o valor ó cambio e as posibles falsificacións. Basicamente, esta figura e as súas funcións mantivéronse ata mediados do século XIX.

En Castela, o *Fuero de León* (1020) e o *Fuero Viejo de Madrid* (1202), así coma outros de diferentes cidades, regulaban o funcionamento das cortadorías ou *obligas*, que tamén funcionaban como matadoiros, e as normas que debían cumpri-las carnes á venda. Así, as *Ordenanzas* da Cidade de Santiago (1565) [95] regulan numerosos aspectos, dende que tiñan que te-la cortadoría moi limpa (*de manera que no aya fedor en ella*) e prohibíaselles mesturar carnes *de carnero con castrón e de castrón con cabra o vaca*:

> *Que otro ningun carnicero ni persona pueda vender carne alguna, ansi a los vecinos como al ospital Real y monasterios, salbo los tales obligados, so pena de perder la carne que ansi vendieren, aplicada la tercera parte para el acusador que lo denunciare, otra para los tales obligados y la tercera parte restante para la justicia que los executare.*
>
> *Que ninguno de los tales obligados dexe de sangrar bien la dha carne e no matarla a golpes, sino bien muerta y sangrada e goldreada echándole una soga en la mano e dándole de golpes en la hijada para que se escorrer e quitar bien la sangre.*
>
> *Que no se pueda vender ninguna carne caliente sin que aya de estar por lo menos una hora antes que se corte ni pese para que esté fría.*
>
> *Que la carne no sea mortecina ni muerta de dolor, so pena de mil maravedises e desterrado por un año desta cibdad, por la primera vez e de cien azotes por la segunda.*
>
> *Que no an de matar la tal carne escondidamente sino públicamente, ni se pueda comprar de personas sospechosas que la vengan a vender secretamente de noche, so pena que el que la comprare pierda la carne e sea abido por encobridor de hurtos e como tal sea castigado* (PPC:89-90).

A autorización para vender carne na cidade condicionábase ó compromiso (*obliga*) de te-la cidade abastecida. Por iso se chaman *obligados*, e xa en 31.3.1533 se comprometeran a matar para o abasto público en cada semana 12 *armentios* (cabezas de gando vacún), 78 carneros e 96 *roxelos* (años) e o compromiso

---

93 KHR: 357-360.

94 Palabra e función pasan tamén ó castelán. Segundo define a DRAE, *almotacén* é *1. Persona que se encargaba oficialmente de contrastar las pesas y medidas. 2. Oficina donde se efectuaba esta operación*. Faino proceder do ár. hisp. *almuhtasáb*, e este do ár. clásico. *muhŏtasib*, literalmente, "el que gana tantos ante Dios, con sus desvelos por la comunidad". Tamén se denomina *fiel almotacén*, e de aí o *fielato* como o oficio do fiel; e o lugar, á entrada das cidades, onde se cobraban os dereitos de consumos.

95 Coma outras varias: Madrid (1552), Sevilla (1601).

era anual *desde el primero día de Pascua de Flores hasta el día de antroydo* [96], so pena de 2.000 maravedís e 15 días de prisión. As autoridades están atentas ás fraudes e esixen letreiros que digan de qué animal é a carne [97] (impedindo así vender xuntas as carnes de especies diferentes) e, en 1569, castigan a fraude da revenda [98]. As Ordenanzas de 1565 explicitan mesmo a forma de cortar e non mesturar animais na exposición

> *e que no hayan de pesar las muelas ni dientes de los bueyes e bacas, antes han de quitar las quixadas con todo lo susodicho y echarlo fuera, so pena de perder la carne, con mas trescientos maravedises, e seis días de cárcel. [...] Iten que no an de quitar ninguna carboada rajo ni solomo de los dhos bueyes e bacas por no deshacer las piernas, sino que ayan de quitar la tal pierna con la tal carboada o rajo que en ella viene e pesarlo todo a precio de los dhos siete maravedises, bajo la pena arriba dha* (PPC:89).

En 1775 novas Ordenanzas explicitan que o gando que chega ó matadoiro ten que estar san e xa se fala dunha inspección sanitaria previa

> *que los obligados en quienes se verificase el remate, hayan de traer precisamente bueyes cebados y no se les permitirá introducir en el rastro vacas paridas ni preñadas ni otras reses que no estén gruesas, cuyas reses que deberán matarse, han de entrar en dicho rastro a las diez de la mañana para que puedan reconocerse, pena que, executando lo contrario, se les exigirá por la primera vez, diez ducados de multa, por la segunda, veinte, y si reincidiesen, se tomará mas severa providencia* (PPC:92).

Tres anos antes o *Real y Superior Consejo de Castilla* dispuña en 1772 que as reses debían *entrar polo seu pé* no matadoiro, disposición legal fundamental como garantía mínima de saúde e que hoxe segue estando plenamente en vigor [99]. Este labor de inspección, con autoridade para o comiso en caso necesario, exercíano estes *fieis* ou *veedores*, nome que reciben nas disposicións publicadas polo Real Consejo de Castilla en 1620, que creaba tal cargo de vixilancia de abastos en cidades como Madrid, Sevilla, Málaga, Barcelona, Murcia, Valencia etc.

Entre os séculos XVII e XVIII, os *veedores* de mercados estaban presentes en case toda a península realizando o recoñecemento dos alimentos que se vendían no mercado. Unha Real Cédula de 1796 fala xa da policía de saúde pública e insiste na necesidade de que os responsables municipais garantisen a inspección sanitaria dos alimentos e dos locais onde se preparaban e vendían, nomeadamente os macelos ou matadoiros, que adoito actuaban tamén como carnicerías. En 1604 publícase en Valladolid unha disposición que prohibe a venda de carne de porco antes de ser sometida a inspección.

A Constitución de 1812 e unha Instrucción de 1813 dispoñen "*la obligatoriedad municipal de velar por la calidad de los alimentos de toda clase, así como de remover todo aquello que en el pueblo pudiera alterar la salud pública o la de los ganados*". Un Real Decreto de 1834 establece que "*se señale uno o más parajes acomodados para mercado o plaza pública y para mataderos, procurando que haya buen orden, aseo y limpieza en ellos, comodidad para los ciudadanos y vigilancia para que no se infrinjan las reglas de salubridad y las relativas a la exactitud de los pesos y medidas*".

Pero estes *veedores* nunca recibiran ningunha formación específica: eran homes prácticos que só achegaban a súa experiencia obtida en matadoiros, cortadorías ou como criadores de gando. Os propios políticos recoñecían as carencias dos seus *veedores* [100] pero tivo que producirse unha epidemia de glosopeda en 1840, na serra de Guadarrama, para que o 10 de marzo de 1840 se nomease un veterinario para o recoñecemento das reses de abasto e das carnes que producían; en xullo dese mesmo ano encargóuselle tamén a inspección do peixe á venda e, inmediatamente, tamén o leite.

---

[96] Non son os doce meses completos, porque na coresma estaba prohibido o consumo de carne; véxase 6.2.1.1.

[97] *Iten que la libra de cabra la ayan de vender a seis maravedises en los meses de junio a setiembre e no en mas tiempo e no a de aver mas de dos bancos de cabra, y en ellos una tabla con un letrero que diga que aquello que allí se vende es cabra, so pena que el que lo contrario hiciere pague mil maravedises, y sea privado del oficio de carnicero por un año.* (PPC:89).

[98] *Visto como algunos carniceros compran bois, bacas, carneros y otro ganado ansí en los mercados y fuera dellos diciendo, que es para probisión de la ciudad y despues los tornan a vender en pié a otras personas por qualquier haber que les dan o por otros modos que para ello buscan y tienen, y por evitar los semejantes fraudes, ordenaron y mandaron que agora ni de aqui adelante ningun carnicero por si, ni por otro, tome a vender a otra persona ningun ganado que comprare sino que lo mate y venda en la carnicería y para provisión della públicamente y conforme a las hordenanzas, so pena de mil mrs. y diez días de cárcel* (PPC:91-92)

[99] O Regulamento de Matadoiros de 1918 recollíao expresamente no seu artigo 19: *Todas las reses destinadas al consumo público deberán entrar por su pie en el matadero*.

[100] En 1802, a Sala de Alcaldes de Madrid diríxese á Escola de Veterinaria da Corte buscando solucións para evitar "*la venta de carnes mortecinas e infectadas que tantos males acarrea a la salud pública*". A Escola de Veterinaria aproveita a ocasión para propoñer que ese labor inspector fose encomendado ós veterinarios, con instrución abonda sobre enfermidades e anatomía dos animais de abasto, o que lles permitiría recoñece-los animais enfermos e as carnes que puidesen afectar a saúde cos consumidores. Esta recomendación, feita en 1802 nunca foi atendida.

Así, parece ser que o primeiro corpo de inspectores veterinarios instituído en todo o mundo "*para el control de carnes, pescados, leches y todo lo que sirva de alimento y se venda en las plazas y puestos públicos*" creouse en Madrid en 1840. Organismos equivalentes xorden en Prusia en 1865, en Bélxica en 1869, en Alemaña en 1870, en Francia en 1873.

O control veterinario da carne e dos matadoiros faise obrigatorio para toda cidade de máis de 50.000 habitantes a partir de 1904. O primeiro Regulamento de Matadoiros publícase en 1918.

Na actualidade, e sobre todo a consecuencia da crise alimentaria derivada da *enfermidade das vacas tolas*, tódalas Administracións parecen outorgar á inspección veterinaria da carne a máxima prioridade e tanto a mata coma a comercialización posterior están perfecta e exahustivamente regulamentadas.

O proceso de inspección da carne comeza co recoñecemento *ante mortem* de tódolos animais que chegan ó matadoiro, comprobando, en primeiro lugar, que a res está identificada cos crotais que se lle colocaron ó nacer e que achega a documentación que identifica os proxenitores e a explotación de orixe, obrigatoria desde 1998 (*Documento de Identificación Bovina,* DIB). Calquera animal non identificado é retido ata emendar esa deficiencia, sen autorizarse o seu sacrificio.

En segundo lugar, o inspector comproba a ausencia de síntomas de calquera enfermidade infectocontaxiosa que poida afectar a salubridade da carne que del se obteña. Tamén se aproveita este momento para o control de determinadas enfermidades infecciosas exclusivas do gando que poidan implica-la destrución do animal para dete-la transmisión a outras explotacións gandeiras.

Unha vez superado este primeiro exame e autorizado o sacrificio, o animal entra na cadea do matadoiro para ser sacrificado e preparado e, rematado este proceso, é sometido a unha nova inspección veterinaria (inspección *post mortem*) na que se examina a canal e as vísceras. No caso de apreciar algunha lesión ou calquera outra anomalía que poida repercutir na salubridade da carne, o inspector separa as pezas ou órganos que considere non aptos para o consumo, que son retirados para a súa eliminación (por incineración ou tratamento industrial).

No que respecta especificamente ó control do mal das vacas tolas, elimínanse sistematicamente da cadea alimentaria os denominados *materiais especificados de risco* (MER) por considerarse posibles transmisores da enfermidade (véxase 8.3.14. *Encefalopatía esponxiforme bovina*).

No caso de non atopar ningún problema, márcase a canal e o fígado co cuño do matadoiro, a *marca sanitaria*, que identifica no mercado o matadoiro de orixe e coa que se certifica a súa aptitude para o consumo. Estas marcas, de diferentes formas e tamaños segundo o tipo de res, as circunstancias especiais da matanza e o ámbito de comercialización autorizado a cada matadoiro, foron tamén cambiando co paso dos anos e trala aplicación de novas normas. Hoxe fanse con tinta ou lume e en distintas zonas da canal para que tódalas divisións que se poidan facer tralo despezamento leven, como mínimo, cadanseu cuño. A etiquetaxe obrigatoria da carne de vacún da que falamos noutro momento deste capítulo non reempraza os cuños gravados sobre a carne, xa que achegan información distinta [101].

Como non podía ser menos, non todos van estar de acordo co ditame do inspector, nin a inspección que realizaban os antigos veterinarios titulares nos matadoiros locais eran sempre o suficientemente exhaustivas. Así, n'*A Monteira* (An16b:262) recollíanse deste xeito as queixas dos consumidores fronte á falta da necesaria inspección do veterinario:

El Eco de Vivero quéixase porque n-aquel macelo as reses que se matan pr'o consumo d'o pobo, non son reconocidas nin siquera por un curandeiro.

Pois escusa de queixarse
o colega de Viveiro.
En Lugo ô veterinario
non lle dan maldito creto,
e si despois qu'o ensamina
di que está malo un tenreiro,
o Alcalde diz: "está bon"
Mátas'e todos comemos
¿E si todos reventamos?
¡Home, quen se fixa n-eso!

Unha vez autorizada a comercialización da carne, os distintos circuítos de distribución lévana ás cortadorías.

[101] A etiquetaxe da carne, que garante o país de orixe, de engorde e de matanza e que inclúe diversos elementos que indican a idade do animal, só é obrigatoria na carne do gando vacún, mentres que o cuño do matadoiro é obrigatorio en tódalas especies de abasto.

Lembremos finalmente que na actualidade a carne fresca de vacún exposta á venda para o consumidor debe presentar unha etiquetaxe obrigatoria que indique o país de nacemento do animal, o país no que se criou e o país no que se sacrificou. Desde xaneiro de 2009 [102] é obrigatorio concreta-la idade de sacrificio no caso da tenreira, mediante a letra "Z" se está entre os 8 e os 12 meses, que corresponde coa denominación tenreira ou carne de tenreira, ou a letra "V" se é igual ou menor de 8 meses, que corresponde á denominación tenreira branca ou carne de tenreira branca.

A raíz da crise sanitaria derivada da encefalopatía esponxiforme bovina (popularmente coñecida como a enfermidade das *vacas tolas*) puxéronse en marcha diferentes regulamentacións que buscan garanti-la salubridade da carne, dirixidas fundamentalmente a controla-la alimentación do gando, evitando a subministración no penso de fariñas de orixe animal, e a asegura-la rastrexabilidade do produto, é dicir, o seguimento de tódalas fases da cadea alimentaria da carne, dende a granxa de orixe ata o punto de venda ó público. Así xurdiu a obrigatoriedade da etiquetaxe da carne [103], que debe proporciona-la seguinte información ó consumidor:

- Código ou número de referencia do animal do que procede (indica o número de identificación de cada animal da especie bovina do que xa falamos na epígrafe 2.4. *Nomes propios*).
- Número de autorización sanitaria (en España, número de rexistro sanitario) do matadoiro onde se sacrificou e país no que se localiza.
- Número de autorización sanitaria da sala de despezamento na que se procesou a canal e país onde se localiza.



Etiquetaxe da carne de vacún.

5319 **cruño** *s.m.* Selo que utiliza o veterinario para marca-la carne no matadoiro. (Común).

5320 **morralla** *s.f.* Carne de animais que se mercan e sacrifican cando xa están morrendo de vellos ou de doenza, ou mesmo xa mortos. En Arcos significa tamén, a parte máis ruín da carne do animal vacún ou ovino. Un informante cóntanos que, hai bastantes anos, a inspección veterinaria fixo un control do sacrificio doméstico dunha res que estaba enferma

[102] Real Decreto 75/2009, de 30 de xaneiro, que modifica o Real Decreto 1698/2003, de 12 de decembro, polo que se establecen as disposicións de aplicación dos Regulamentos comunitarios sobre o sistema de etiquetaxe da carne de vacún (BOE nº 27, de 31 de xaneiro).

[103] De aplicación obrigatoria a toda a carne de vacún que se vende na Unión Europea a partir do 1º de setembro de 2000.

e, cando quixo analiza-la carne, intentaron impedirlle chegar a onde tiñan a morralla dicíndolle: -*Non remexa aí: se hai que dar algo, inda se dá*. (Arcos, Cove., Gara., Parade.).

5321 **cruñar** *v.* Marca-la canal despois da inspección veterinaria para que se poida vender. (Común).

5322 **poñe-lo cruño** *loc. v.* Ver CRUÑAR /5321. (Común).

6.1.11. A conservación da carne

Resulta curioso que na cultura tradicional galega non encontremos nada que nos fale da conservación da carne da vacún, máis aló do feito residual da chacina, semellante ó sistema utilizado para os perniles do porco. Disto falaremos en 6.6.4., en 9.1.2., e en 15.1.4.

A conservación por frío é, a pesar de todo, un sistema que ten máis de cento trinta anos de existencia no mundo. En 1876 xa navegaba entre Europa e América o vapor *Le Frigoriphique* transportando carne conxelada e esta nova industria do transporte frigorífico afectou precisamente de maneira moi sensible o mercado galego. Na revista boanerense *El Eco de Galicia,* fundada por José Mª Cao e dirixida en 1893 por M. Castro López, dáse noticia do problema que representa o feito de que Galicia acabe de perder todo o seu mercado de exportación de vacas a Inglaterra (e que estea en perigo de perde-lo de Madrid e Barcelona) precisamente porque o transporte frigorífico permítelle ós ingleses traer carne máis barata dende Australia e Nova Zelanda, porque a carne ocupa menos espazo cós animais vivos e porque este sistema evita o risco de que as vacas se lesionen, enfermen ou perdan peso no transporte habitual [104].

> *La importación á Europa de los bueyes y carneros de la república Argentina, de la Australia, etc., conservados por medio de los procedimientos frigoríficos, apréciase y aplícase cada vez más, porque con el sistema se evita la manutención de las reses vivas y las pérdidas consiguientes de la calidad y peso de sus carnes, experimentadas durante las travesías marítimas ó ferroviarias, asi como tambien se preven las enfermedades originadas por dichos transportes, accidente gravísimo que en la actualidad se registra en la mayor parte del ganado que se recibe en Barcelona [105].*
>
> *Este transcendentalísimo problema científico y social ha sido brillantemente resuelto en los últimos años por los aparatos frigoríficos de Hall, empleados en la numerosa flota de vapores que principalmente transportan á Londres las carnes heladas de Nueva Zelanda.*
>
> *Una nueva empresa británica dedica á la modernísima y socorrida industria 130 buques, cada uno de los cuales puede acarrear 250,000 á 1.400,000 kilogramos de carne helada, por viaje.*
>
> *Su comercio, pues, se ha desarrollado á tal punto, en los Estados Unidos de Norte América, que en Nueva York, la industria tablajera desaparece casi por completo ante la creciente invasión de los mercados de la capital por la carne helada de clase superior y de gran variedad, expedida por Chicago y San Luis del Potosì á todas las poblaciones de aquella república, aprovechando al efecto 2,500 vagones frigoríficos que se hallan con tal motivo en constante circulación.*

Posteriormente o mesmo autor fai mesmo un cálculo do que gravaría o prezo por quilo de carne o transporte en trens frigoríficos de gran velocidade ou de pequena velocidade e conclúe que un quilo de carne transportada de Galicia a Madrid se gravaría en 17 céntimos /quilo, é dicir, menos do que custa o periodiquiño no que el está escribindo (20 céntimos). E conclúe [106]:

> *Bastan las reflexiones y guarismos expuestos, para llevar al ánimo de todos el convencimiento de cuán fácil es, con un poco de iniciativa, contrarrestar el forzoso desastre que amenaza hoy á una de nuestras más importantes industrias por la abstención creciente en los mercados gallegos y asturianos de los compradores ingleses de nuestros ganados.*

---

[104] RIVERA: 61, 3.

[105] Aínda en 1900 subsistía o problema, tal como se ve nestoutra denuncia procedente da Habana*: Los ganaderos de Galicia y otras regiones se han dirigido al ministro de Agricultura y Obras públicas, exponiéndole los grandes retrasos que el ganado sufre, llegando las expediciones, por consecuencia de esto, á Barcelona con el 50 por 100 de las cabezas muertas por asfixia. // Fundados en estas razones, le ruegan interponga su valiosa influencia para que las compañías ferroviarias den mayor rapidez en sus recorridos. // Es este asunto de verdadera trascendencia para la riqueza pecuaria de Galicia y sería muy de desear una favorable resolución* (FN:169, 26.08.1900, 3). Véxase o que diremos en 10.12.3.

[106] RIVERA:62, 2.

Pedro Rivera insiste en que o fatalismo dos gandeiros galegos baséase na falsa crenza de que están abandonados ás súas propias forzas e de que a compañía do ferrocarril non se interesaría por este negocio, cando de feito xa o está utilizando para o transporte de peixe, de cervexa e de petróleos; e remata preconizando que os gandeiros galegos abran os ollos e se adapten ás novas posibilidades do mercado.

Pero na cultura tradicional de Galicia (como, en xeral, noutras culturas) a carne de vacún seguiu sendo obxecto de consumo en fresco, coa única excepción sudoriental da chacina. O único animal de abasto que tradicionalmente se conservaba de diferentes maneiras seguiu sendo o porco. A industria frigorífica aplicada á carne de vacún non entrou nos hábitos dos galegos ata tempos ben recentes.

6.2. A cortadoría

Chámase así o establecemento comercial onde se vende carne, vísceras comestibles ou os diferentes produtos derivados de ambas.

Segundo as actividades que realicen e os produtos que elaboren e comercialicen, clasifícanse en *carnicerías*, *carnicerías-salchicherías* e *carnicerías-charcuterías*.

Un dos nomes tradicionais destes establecementos é o de *obliga* ou *obriga*: é antigo pero localmente aínda vivo. A palabra parece proceder do feito de que os que recibían autorización para venderen carne recibíana a cambio de se *obrigaren* a teren abastecido o mercado local de carne de bovino, ovino, caprino e suíno (PPC:89-92).

Xa falamos do retrato social que Justo Pico de Coaña fai na *carta a Bastián da Pallarega* [107]. Recollamos agora outro fragmento:

> *Vai saíndo longa de máis esta carta; por esto vou acabala, dicéndoche que, cando rapaces, con pouco diñeiro se mantía unha casa; o pan, que custaba seis, agora deixa vinte; libra de carne da que dan na obriga, que sobía de seis cartos, non se ole menos de dous ras. As cousas de comer e beber están polas nubes; o viño, que ven todo de afora, non se cata senón a trece cartos o neto, cando se bebía a seis ante de vir a malicia que gafou as parras. Logo ven o vestir, porque se gastan hoxe puchas e sombreiros, en vez de monteiras; zapatos e botas en vez de zocos e galorchas; pantalós e gabás en vez de saios e zaragolas; asina de todas as cousas.*

Non sabemos se algunha vez en Galicia a palabra *azougue* ("mercado") tivo o valor específico de cortadoría que actualmente ten no Rio de Janeiro (*açougue*) e que contrasta co nome portugués (*talho*.) Betanzos aínda conserva a *Praza do azougue*: ¿antiga praza do mercado ou antiga praza da cortadoría?

5323 **carneceiría** *s.f.* Ver CARNICERÍA /5325. (ERG).

5324 **carniceiría** *s.f.* Ver CARNICERÍA /5325. Constantino García considera que se trata dunha hipergaleguización de algúns autores que fan derivar esta voz de *carniceiro* e non de *carne* (CGG2: *Cousas da carne*, 762). (CGG2, ERG).

5325 **carnicería** *s.f.* Cortadoría. (Común).

5326 **carnizaría** *s.f.* Ver CARNICERÍA /5325. (ERG).

5327 **cortadoría** *s.f.* Posto de venda polo miúdo de carne debidamente cortada para o consumo humano. Contrasta coas poucas fontes nas que atopamos as voces *cortadoría* e *cortaduría* a afirmación que fai Constantino García: "Hai outra palabra tan popular e do mesmo significado ca *carnicería*. Unha das tarefas principais do *carniceiro* é a de cortar carne, e de aí o nome popular de *cortador* e pola mesma razón de *cortadoría* como lugar en que se vende carne ó público" (CGG2: *Cousas da carne*, 762). (CGG2, ERG, XER).

5328 **cortaduría 1** *s.f.* Ver CORTADORÍA /5327. (ERG, Fri., Redo., XLF).

5329 **macelo 2** *s.m.* Cortadoría. Xa vimos que *macelo* tamén é o matadoiro ou o departamento da cortadoría onde se matan as reses. (CP, JMP, XLF).

5330 **malcociñado 2** *s.m.* Sitio onde se venden os miúdos das reses. (ERG).

5331 **obliga** *s.f.* Cortadoría. As nosas fontes quitadas do *Glosario de voces galegas de hoxe* (Pantón e Verín) defíneno como "Antiguamente, carnicería", pero en Piquín parece ser aínda voz viva. ERG localízao "en Monforte y varios sitios de la prov. de Lugo". *A muller do Bastián de Trascastro, a Anuncia, traballaba coma unha besta: o mesmo sachaba as leiras que apañaba feixes de leña, que facía mandados nas casas, que puña unha miga de taberna os días de feira, que criaba tres laregos para logo vender dous cebados, que axudaba ao*

[107] PC: 133.

carniceiro na obliga os días de festa, que iba ás mallas... (MCN2:38). (ERG, Gud., MCN2, MVN, Pantón, Ver1).

5332 **obriga 1** *s.f.* Cortadoría. *Libra de carne da que dan na obriga, que sobía de seis cartos, non se ole por menos de dous ras* (PC). (MVN, PC).

5333 **oubligha** *s.f.* Ver OBRIGA 1 /5332. O informante proporciona esta voz cando describe unha enfermidade do gando chamada *te-las landas* (tecnicamente, unha linfoadenite ou infartación dos ganglios linfáticos): "Bultos que le nacen delante de las piernas delanteras y en las piernas traseras. No le hechan [sic] nada. Si no le bajan, o tambien si le siguen creciendo, se las vende pues no tienen fuerza y llegan a perder peso. Por lo tanto, las venden rapidamente para la 'oublija' (para el matadero)". (Vi-Val).

¿A onde irás, boi, que non aras, senón á cortadoría? (ERG:cortadoría)
¿A onde irás, boi, que non ares, senón á cortadoría? (ERG:boi)
Boi que non ara vai prá cortadoría. (VLLM:1,135) [108]
O boi que non ara, na cortadoría para. (ERG:boi; UCA:36.18; ZM:163) [109]
¿Onde has de ir, boi, que non aras /ares, senón á cortaduría? (MRL; VS) [110]
¿Onde irás, boi, que non aras/ares, senón á cortaduría? (UCA2:34.51; VS) [111]
¿Onde irás, boi, que non ares? Á cortaduría. (JASA:320; JASA2:412; JASA3:226; VLLM:1,148; EAG:23; XLF3:67; VS) [112]
¿Onde irás, boi, que non ares? Á cortaduría, a pagar ca vida. (VS)
¿Onde irás, boi, que non ares? Á macelleira. (VLLM:1,148) [113]
Onde irás, boi, que non ares, senón a cortaduría. (ZM:87; Baiona3) [114]
Onde vas, boi, que non ares, senón á cortadoría. (LT1)
¿Pra onde vas, boi, que non ares, a non ser pró matadeiro? (VS) [115]
¿Pra onde vas, boi, que non ares? Pra a cortaduría. (Mel2:466; VS) [116]
Na cortadoría non hai carne que non se venda: us piden lombo, outros agulla e outros perna. (ERG:cortadoría)
Onde mellor está o gato é na casa do pescadeiro, onde mellor está o can é na casa do carniceiro, onde mellor está o cura é na casa das monxas. (Lousa.)

Todos me din que te deixe,
que me has de dar mala vida...
¿Onde irás, boi, que non ares,
senon á cortaduría? [117]

Unha vella se c...
á xunto unha cortaduría
e díxolle ó cortador
péseme esa media libra. [118]

---

[108] Llópiz: *pra cortadoria*.

[109] No texto: *cortaduría* (UCA e ZM). UCA2 dá outra versión que carece de rima: *O boi que non ara, para na cortaduría* (6.08.1908).

[110] VS: *d'ir... ares*.

[111] UCA: *boy*, *â cortaduría*. Realmente UCA2 cita este refrán en dúas ocasións: no 14.04.1908 di *Donde* e sen interrogantes; no 20.08.1908 di *Ónde* e con interrogante. VS ofrece tamén a var. *Donde.*

[112] No texto: *a la cortaduría* (EAG); *â* (VLLM); JASA, EAG e XLF3 non abren interrogación. Llópiz encóntrao en Saco y Arce e en Carré Aldao. Realmente a edición que nós manexamos (*Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos recogidos por: D. Juan Antonio Saco y Arce. Edición y Estudio Preliminar de Juan Luis Saco Cid*. Diputación Provincial de Ourense 1987) é unha recuperación de materiais que viran a luz parcialmente na revista *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, e na p. 320 di: *A Cortaduría*. Xaquín Lorenzo considérao equivalente ó castelán *Habló el buey y dijo mú!*. VS comenta que *En todos los estados y oficios ha de haber que sufrir*, e ofrece estas equivalencias: P.: *Aonde irá o boi que não lavre, pois que sabe.* (Chaves); E.: *¿Dónde irá el buey que no are?* (Correas), *¿A dó irá el buey que no are? A la carnicería*. (Correas); C.: *Aon anirà el bou que no llaure?* (Alberola).

[113] Llópiz explica que *macelleira* é palabra galega arcaica por macelo ou matadoiro.

[114] No texto: *Donde*, sen signos de interrogación (ZM).

[115] No texto: *Pr'onde.*

[116] Mel2: *Pr'onde*, *pr'a*. A forma en que o reproducimos trata de respectar, coma en todo o traballo, un equilibrio entre a lexítima variante dialectal e a forma estándar de representación gráfica da lingua. VS: *Prá cortaduría.*

[117] JASA:150; Coto2:102; DBP:1393; VS. No texto: *m'has, senon* (JASA); *que non are* (sic) (Coto2); *m'has, ónde, sinón* (DBP). Saco y Arce engade na nota a rodapé: *Mi padre, porque soy malo,/A presidio quiere echarme;/Yo le digo: Padre mio,/¿Donde irá el buey que no are?* (Laf. Alcant. II, 335). O noso informante de Coto2 non utiliza signos de interrogación. Blanco Pérez (DBP) indica en nota a rodapé que recolle esta cantiga (de M. Milà y Fontanals) coa forma *che*. VS di que recolle este texto de Ricardo Caruncho (*Diario de Avisos*).

[118] JPBII:219.19. No texto: *vèlla*; *á xunt'á, e díxoll'ô, pésem'esa*. Utiliza puntos suspensivos por eufemismo.

6.2.1. O cortador

Na antiga Roma, os cortadores carecían mesmo do dereito de cidadanía por estar considerado oficio inmundo. Cortadores e macelos -matadoiros- situábanse sempre fóra das cidades e tardaron séculos en poder instalarse no interior, ó abrigo das murallas.

Pasando o tempo, foron mellorando en categoría social ata converterse, xa na Francia do século XIV, nunha casta nobre e pechada en si mesma que se reservaba non só os postos do mercado senón o dereito a ser nomeado mestre carniceiro, único autorizado a leva-lo *devantau*, branco mandil cun gran peto na parte dianteira como símbolo desa exclusividade.

En Galicia tamén se di que era un oficio considerado dos máis viles pero non tanto que se oculte na documentación onde a profesión debe figurar e mesmo nas laudas sepulcrais de Santa María a Nova de Noia figuran os seus símbolos: machada e coitelo. En Noia en 1576 estaban agrupados na confraría de San Pedro e non forman parte do gremio dos curtidores que, en cambio, figuran asociados cos zapateiros no Gremio de San Martiño. Na mesma vila de Noia algúns cortadores tiñan relación directa co curtido porque en 1459 Johan Garcia, carniceiro, manda para Valencia 215 coiros de boi pola nao de Gonçalvo Rodrigues (CGP9:171-173).

Lémbrense as minuciosas Ordenanzas municipais de Santiago sobre as cortadorías (segundo vimos 6.1.10.4.) en canto a limpeza, sanidade, prezo e fidelidade no peso exacto da carne: un carniceiro compostelán que vendeu libra e media de carne cunha falta dunha cuarta en peso, foi castigado no ano 1699 a estar exposto na argola durante dúas horas, con dúas libras de carne no pescozo (PPC:92).

Pero, coma sempre, a seriedade nunca é noticia; noticia sono as picardías; elas son as que pasan ós papeis, coma esta que se lía n'*O Tío Marcos d'a Portela*:

A custión da carne [119]

Sr. Director do Tío Marcos da Portela

Meu distinguido señor: Sin máis [120] titolos que os de partidario dun bo solomillo i amigo [121] de comelo polo [122] seu xusto precio, diríxome a vostede pra espor catro cousas que me viñeron á chola co gallo do que coa carne [123] pasa en Ourense, supricándolle as poña en letras de molde por si con eso conseguísemos algún beneficio, dentro da máis estriuta xusticia, os que gustamos de comer carne.

Dáse [124] o caso curioso, Sr. Direutor, de que a escasez de carne que en Ourense se nota, non ten [125] precedente en ningún outro pobo da provincia [126]: Carballiño, Celanova, Allariz, Xinzo, Verín, Ribadavia, todos, todos os pobos onde se consume carne, teñan carne de abondo [127]; en Ourense non a hai, que a tanto equivale a que diariamente se sacrifica.

Pensando no por qué desta diferencea [128], viñen en conecemento de que eiquí non a hai porque esí lle convén ós carniceiros, e vou demostrar esto que parece unha cousa do rovés.

Dendes que os carniceiros deron en matar vacas e lles consintiron [129] vende-la carne vella ó precio da terneira [130], viron que a cousa era [131] un magnífico choio, pois, unha con outra, déixalle [132] de gaño alá por us vinte pesos. Unha vaca véndena en dous días e son os seus dez pesiños diarios de ingreso. No [133] mesmo tempo vendían dúas [134] terneiras, mais

---

[119] XC: 4-5. No texto: *d'a carne*. Igualmente no resto do texto: *d'o Tío*, *d'a Portela*, *d'un bo solomillo*, *d'a mais*, *d'a províncea*, *d'o rovés*, *d'a cortaduría*.

[120] No texto: *mais*. Igualmente no resto do texto: *mais estriuta*, *mais caras*, *mais barata*.

[121] No texto: *y-amigo*.

[122] No texto: *pol-o*.

[123] No texto: *c'o gallo d'o que co'a carne.*

[124] No texto: *Dase*.

[125] No texto: *tén*.

[126] No texto: *províncea*.

[127] No texto: *d'abondo*.

[128] No texto: *d'esta diferencea.*

[129] No texto: *consintinron* (sic).

[130] No texto: *vendel-a carne vella ó préceo d'a terneira*. Aquí *préceo*, aínda que unhas liñas antes escribise *precio*.

[131] No texto: *éra*.

[132] No texto: *deixalle*.

[133] No texto: *N-o*. Tamén *n-o noso matadeiro*, *n-o mostrador*.

[134] No texto: *duas*.

estas, como están, en proporceón, máis caras, non deixan ises cartos.

As vacas que morren no noso matadeiro son, ademais, ruís [135] de veras, e desto [136] podemos dar fe cantos comemos, ou comíamos, carne: en clás de badana non hai que lle pidir.

Eu coido que as autoridás debían pór mau niste [137] asunto, obrigando ós carniceiros a vender máis barata a carne vella, como esí socede en todo o mundo, i entón [138] verían como as terneiras aparecían pois, en igoaldad de ganancia, os carniceiros preferirían as terneiras, que teñen menos lacras. E si esa baixa non lle queren impor, obríguenos [139] a traguer vacas boas, grosas, que ó precio [140] en que hoxe [141] están eiquí vendendo a carne, ben lles cubre.

Nin iles teñen dereito a ganar dise [142] modo cando o pobo pasa fame, nin as autoridás a consintilo.

É unha vergonza que en Ourense se pague tan cara unha carne que máis ten [143] de correa que doutra [144] cousa.

Estudie, ois, quen deba este [145] asunto, que ben merece a pena.

Cando hai que pousar no mostrador da cortaduría unha presa de cartos pra levar unha miga de carne, o menos a que un ten un direito é a que lle den carne, e non sola vella.

Moitas gracias, Sr. Direutor, e mande como lle veña ben a seu amigo i ademirador [146] q. e. a. s. m.

Na parroquia de Santa Marta de Moreiras [147], concello do Pereiro de Aguiar, alcuñan deste xeito ós habitantes dos quince lugares da parroquia (algúns dos cales xa non lle pertencen). Desta relación, destacámo-lo calificativo de *carniceiros* ós naturais do lugar da Derrasa:

Mintirás, os de Cibreiros;
Poucas verdás hai en Boeiros.
Teares vellos, Chaodarcas.
Pica toxos, Anduriñas.
Pecha pan, Outeiromeao.
Laxas duras, Cimadevila.
Zarramangueiros, os de Pioselo.
Bouceantes, Casmartiño.
Abogados, Caspiñón.
Pleiteantes, no Outeiro.
Xente noble, Santa Marta.
Carniceiros, na Derrasa.
Carpaceiros, no Penedo.
Calzafouces, en Pedraio.
Altas sebes, na Medorra
e alá vai a conta toda.

6.2.1.1. Cortadores e Coresma

É moi antiga no cristianismo a práctica ocasional da abstinencia de carne. O seu fundamento ten orixe sanitaria (utilidade do vexetarianismo periódico) e solidaria (darlles ós pobres o que con tal abstinencia se aforra). O que inicialmente foi práctica voluntaria chegou a ser norma social esixible mesmo fóra do ámbito da fe: a Coresma impoñía un período de inactividade en certos oficios festivos e na prostitución (*estar coma a puta na Coresma*) e incluso no exercicio da cortadoría:

> *Denunciamos por excomulgados hombre o muger que en Quaresma o en Quatro Temporas e sesta feria o en los otros dias que la Yglesia quita la carne, sin nescesidad la comiere, asi como dolencia o otra cosa convenible, e al carnicero que publicamente la vendiere. E dado caso que nescesidad aya, mandamos que no la coman ni la puedan comer en ningun tiempo prohibido por la sancta madre Yglesia sin nuestra expressa licencia e mandado de nuestros provisores* (AGG: 217; 28-29).

---

[135] No texto: *ruis*.
[136] No texto: *d'esto*.
[137] No texto: *por mau n-iste.*
[138] No texto: *y-entón*.
[139] No texto: *obríguennos*.
[140] No texto: *preceo* (sic).
[141] No texto: *hoxo* (sic).
[142] No texto: *d'ise*.
[143] No texto: *mais tén*.
[144] No texto: *d'outra*.
[145] No texto: *esté* (sic)
[146] No texto: *y-ademirador*.
[147] Morei:45.

5334 **achapante** *s.m.* Cortador, carniceiro, no verbo dos cesteiros de Mondariz. Pola súa banda, *achapar* significa morrer, cortar. (ERG, Mond1).

5335 **branco 1** *s.m.* Tratante que merca becerros e que os mata para vende-la carne. A denominación nace do mandil branco que usan. "O gremio dos 'tablaxeiros' ou carniceiros [de Allariz], que montaban os seus postos na praza dos Brancos, así chamada polos mandís desa cor que adoitaban levar, non só doaban os bois do Corpus senón tamén o de san Xoán" (ABR 2003:19). (ABR, XLF).

5336 **bucheu** *s.m.* Ver BUXEU /5338. (Com3, Pont2).

5337 **buxeo** *s.m.* Ver BUXEU /5338. (CP, ERG).

5338 **buxeu** *s.m.* Carniceiro. FMS:409 recolle a forma *bucheu*, pero di que en galego se pronuncia *buxeu*; engade que vén do francés *boucher*. Pero Bouza Brey cita a García de Diego, para o que *buxeu* procede do suevo *bukk* (FBB:17). (CP, ERG, FBB, FMS, JMP).

5339 **carniceiro** *s.m.* Ver CORTADOR /5340. (Común).

5340 **cortador** *s.m.* Persoa que trocea o animal e que o vai vendendo por miúdo na cortadoría. A actual disciplina sanitaria dividiu esta actividade tradicional en dúas: a mata faise en matadoiros que abren o animal, esfólano, eviscérano e enfríano; e, por outra banda, os cortadores que cortan a canal en pezas e venden a carne ó consumidor. *Non hai folga, non; pois denantes de enterrarme, dous médicos arremangados coma dous cortadores abríronme a cachola cun serrón* (CAS1: *Un ollo de vidro*, 44). (CAS1, CP, Ctel17, ERG).

5341 **obligado** *s.m.* Cortador. Ver OBLIGA /5331. (JMP, MVN).

5342 **obrigado** *s.m.* Cortador. ERG defíneo como "persona a cuya cuenta corre el abastecer a un pueblo o ciudad; como por ejemplo la carne" [sic]. (ERG).

5343 **rifante** *s.m.* Branco, carniceiro, que actúa tamén como tratante de becerros. Unha cantiga que recolle Xaquín Lorenzo parece dicir en dúas ocasións que *rifantes* son os carpinteiros: *Catelina do Rifante, contigo non quero tratos: o teu pai é carpinteiro, fóxenlle os cás cos cabacos* (LimiaB:173,2558); *Dime, por Dios, Cateliña, quén te meteu nistes tratos; o teu pai é carpinteiro fóxenlle os cás cos cabacos* (LimiaB:70,773). Pero, comentando a primeira cantiga Xaquín Lorenzo di que *rifante* é o mesmo que "branco ou carniceiro" (LimiaB:279,n 854). E o mesmo autor noutro lugar (XLF:620) di que "O rifante merca os becerros nas feiras ou polas portas e logo mátaos il ou chama ó matachín pra que llo faga. Morto o animal, párteo e na súa tenda, *macelo*, vaino vendendo [...] A economía pechada dos nosos campesiños fai que precisen pouco diste oficio [do carniceiro ou rifante]. Por outra parte, homes amantes do gado, que os axuda nos seus traballos, non ollan ben ós que se adican a traficar coa carne das vacas e dos becerros, antes ben, téñenos en menos, coma di a cantiga [que nós acabamos de citar]". É dicir, que *rifante* é carniceiro e que, por esa razón, un mozo non quere tratos con Cateliña, filla dun rifante. Se *rifante* é o mesmo que branco ou carniceiro ¿por que en dúas versións da mesma cantiga se di que Catelina do Rifante sexa filla dun carpinteiro? ¿É realmente un *rifante* un carpinteiro? Pensamos que non e coidamos que aquí aconteceu algo moi frecuente na creación e recreación de cantigas populares. O cantor improvisando remata o segundo verso na palabra *tratos* e, chegado aí, lembra outra cantiga na que se dá esa mesma circunstancia, e remata a cantiga que está creando cos versos da outra cantiga que lle veu á memoria. ¿Cal era esoutra cantiga? Probablemente esta *Dime por Deus, Mariquiña, / ¿Quén te meteo n-eses tratos? /Teu pai é mal carpinteiro, / Fogenlle os cás c'os cabácos*. Non é só que *rifante* non sexa carpinteiro; é que tampouco os *cabacos* son cousa do mundo da cortadoría: os *cabacos* son os anaquiños de madeira que lle van sobrando a un carpinteiro e que sempre teñen utilidade, polo menos para o lume, e esa é palabra propia do mundo do carpinteiro. Coidamos, polo tanto, que a semántica do rifante, aínda que sexa palabra xa case esquecida, sitúa este vocablo no mundo da cortadoría. (LimiaB, XLF).

Á muller e ó carniceiro médralle a carne na man. (ERG:carne; XSL:16; XMSH:96)
Á muller e ó carniceiro, médralle a chicha na man. (BL: 14).
Cando a vella ten diñeiro non ten carne o carniceiro. (ERG:carne; XSL:60; XMSH:183) [148]

[148] Porque cando se ten unha cousa falta outra (XMSH). No texto: *tèn* (ERG); *diñeiro, non ten* (XSL).

Cando o probe ten diñeiro, non ten carne o carniceiro. (ERG:diñeiro; XMSH:183) [149]
Cásate cun carniceiro, comerás caldo de tripas. (XSL:30) [150]
Cásate cun carniceiro, comerás caldo de tripas a eito. (XMSH:125) [151]
¿Non che gusta o pisto? Pois cásate cun carniceiro e comerás caldo de tripas. (VS) [152]
Compra a panadeiro e non a carniceiro. (Carb-L:210; XMSH:32; VS) [153]
O millor menciñeiro é o carniceiro. (UCA2:51; ERG:manciñeiro; XLF2:50; XMSH:63; ZM:170; VS) [154]

As vodas da pulga e o piollo [155]

A pulga e o piollo
queríanse casar
e non tiñan pan
pra dar de xantar.
E sal a formiga
do seu formigueiro:
-Síganse as vodas [156]
eu son panadeiro
-Agora, 'mi vida',
panciño xa temos,
fáltanos o viño,
¿onde o 'hallaremos'? [157]
E sal o mosquito
do seu mosquiteiro:
-Sígase a voda
que eu son taberneiro.
-Agora, 'mi vida',
viñiño xa temos,
fáltanos a carne,
¿onde a 'hallaremos'?
Salíu o lobo
detrás do silveiro
-Sígase a voda
que eu son carniceiro.
-Agora, 'mi vida',
carniña che temos,
faltan os manteles,
¿onde os 'hallaremos'?
E sal a araña
do seu arañeiro:
-Sígase a voda
que eu son tecedeiro.
-Agora, 'mi vida',
manteles xa temos,
fáltanos gaiteiro,
¿onde os 'hallaremos'?
E salíu o grilo
do seu grileiro:
-Sígase a voda
que eu son gaiteiro.
-Agora, 'mi vida',
gaiteiro xa temos,
fáltanos danzante,
¿onde os 'hallaremos'?
E salíu o sapo
como un trunfante:
-Sígase a voda
que eu son danzante.
-Agora, 'mi vida',
danzante xa temos,
fáltans o cura,
¿onde os 'hallaremos'?
E salíu o zorro
coa cara dura:
-Sígase a voda
que eu son o cura.
... ...

Variantes*:*

O piollo lla pulga queríanse casar
e tan ricos eran que non tiñan pra pan.

---

[149] ERG: *tèn*.

[150] Este refrán é realmente parte dunha cantiga que recollimos completa poucas liñas antes. No texto: *con carniceiro* (XSL).

[151] Moreiras recolle como refrán independente os outros dous versos da cantiga: *Non te cases cun ferreiro, que te pican as muxicas*, e en nota a rodapé di que *unha cántiga engade: 'Cásate cun carniceiro, comerás caldo de tripas'* (XMSH:110). No texto: *con*.

[152] No texto: *gust'o pisto*.

[153] Moreiras explica o consello porque *A carne pode ser infestosa ou que tiver, en vida, algunha enfermedá*. A mesma desconfianza adivíñase nestas variantes: *¿Carne de calceta? Que a coma quen a meta* (ZM:58), e *A carne en calceta que a coma o que a meta* (Carte.). Neste último refrán, o colector engade que *O que fai os embutidos é o que mellor sabe como están para os comer*.

[154] ERG, UCA2, ZM, VS: *manciñeiro*. Máis ampla resulta esta variante: *O millor manciñeiro é o diñeiro* (ERG).

[155] No texto: *bodas*. Esta primeira versión, da que só copiamos parte, está tomada de Carb-L:128, pero tamén pode verse, con pequenas variantes, en Mel2:486-487, Morei:388-389 e JASA:235-236. Na versión de Saco y Arce, a carne que trae o lobo é de carneiro, non de vaca.

[156] No texto: *boda*, como no resto do cantar.

[157] No texto: *ónde*, como no resto do cantar, e sen abrir interrogación.

E saliu a toupa da súa toupeira,
siga a súa voda que eu son panadeira.
Ahora mi vida pan ya tenemos,
fáltanos el vino ¿donde lo hallaremos?
E saliu o mosquito do seu mosquiteiro,
siga a súa voda que eu son o taberneiro.
Ahora mi vida vino ya tenemos,
fáltanos la carne ¿donde la hallaremos?
E saliu a mosca detrás da espeteira,
siga a súa voda que eu son carniceira.
Ahora mi vida carne ya tenemos,
fáltannos los manteles ¿donde los hallaremos?
E saliu a araña dos seus arañeles,
siga a súa voda que eu poño os manteles.
Ahora mi vida manteles ya tenemos,
fáltanos el gaitero ¿donde lo hallaremos?
E saliu o grilo debaixo da terrón
coa gaitiña ó lombo inchando o cerrón.
Ahora mi vida música ya tenemos,
fáltanos el danzante ¿donde lo hallaremos?
E saliu o sapo que é tan trunfante
siga a súa voda que eu son o danzante.
Ahora mi vida danzante ya tenemos,
fáltanos la madrina ¿donde la hallaremos?
E saliu a ra da súa charquiña
siga a súa voda que eu son a madriña.
Ahora mi vida madrina ya tenemos,
fáltanos el padrino ¿donde lo hallaremos?
E saliu o rato detrás do muíño
prendan ó gato que eu son o padriño.
Ahora mi vida padrinos ya tenemos,
fáltanos el cura ¿donde lo hallaremos?
E saliu o lagarto da súa cova escura,
siga a súa voda que eu son o cura.
No medio da voda houbo un barulliño,
soltouse o gato e comeu ó padriño [158].

O piollo e a pulga queríanse casar,
non tiñan nada, fórono buscar.
E saiu o gato don cabaleiro,
fágase a voda que eu son o panadeiro.
Oh, ben da miña vida que pan xa temos,
fáltanos a carne ¿onde a atoparemos?
E saiu o porco do seu cubil,
fágase a voda que eu dou o pernil.
Oh, ben da miña vida pernil xa temos,
fáltanos o padriño ¿onde o arranxaremos?
E saiu o rato do seu buratiño,
fágase a voda que eu son o padriño.
E saiu o mosquito do seu mosquiteiro,
fágase a voda que eu son o taberneiro.
Oh, ben da miña vida que viño xa temos,
fáltanos a madriña ¿onde a arranxaremos?
E saiu a ra da súa regueiriña,
fágase a voda que eu son a madriña.
Oh, ben da miña vida madriña xa temos,
fáltanos o danzante ¿onde o arranxaremos?
E saiu o sapo tan arrogante,
fágase a voda que eu son o danzante.
No medio da voda houbo un barulliño,
foi o panadeiro e comeu o padriño [159].

O piollo lla pulga querían de casar,
non tiñan pan nin viño para na voda festexar.
Saíu a formiga lá do seu formigale,
siga esa voda, pan non há faltare.
Pan da nosa vida, xa o non tememos,
viño da nosa vida ¿donde nos lo arranxaremos?
Saíu o mosquito lá do seu mosquitale,
siga esa voda, viño non há faltare.
Viño da nosa vida, xa o non tememos,
galiña da nosa vida ¿donde nos la arranxaremos?
Saíu a raposa lá do seu raposale,
siga esa voda, galiña non há de faltare.
Galiña da nosa vida, xa a non tememos,
carneiro da nosa vida ¿donde nos lo arranxaremos?
Saíu o lobo lá dos seus lobales,
siga esa voda, carneiro non há faltare.
Carneiro da nosa vida, xa o non tememos,
gaiteiro da nosa vida ¿donde nos lo arranxaremos?
Saíu o grilo lá do seu grilare,
siga esa voda, gaiteiro non há faltare.

[158] Raiaseca:231-232. Inform. do Sr. Antonio Gago Prieto (San Lourenzo, A Gudiña).
[159] Raiaseca:232. Revista escolar *Raíces da Terra*, CP de EXB de Oímbra, maio de 1996.

Gaiteiro da nosa vida, xa o non tememos,
bailador da nosa vida ¿donde nos lo arranxaremos?
Saiu o sapo lá do seu ortigal,
siga esa voda, bailador non há faltare.
Saíu o sapo lá do seu buraco,
siga esa voda, danzo eu por tres ou cuatro [160].

O piollo e a pulga
quérense casar.
Fáltalles o cura,
¿onde [161] *o irán buscar?*
Salío o sapo
da súa sapura:
- Sigan esa voda,
que eu xa son o cura.
- Agora, vidiña,
cura xa o temos.
Falta un padriño.
¿Onde o encontraremos?
Salío o rato
do seu buratiño:
- Sigan esa voda,
que eu son o padriño.
- Agora, vidiña,
padriño temos.
Fáltanos a mesa.
¿Onde a encontraremos?
Salíu o grilo
do seu grileiro:
- Sigan esa voda,
que eu son carpinteiro.
-Agora, vidiña,
mesa temos.
Falta o mantel.
¿Onde o encontraremos?
Salío a araña
da súa [162] *arañeira:*
- Sigan esa voda,
que eu son tecedeira.
-Agora, vidiña,
mantel xa o temos.
Fáltanos o pan.
¿Onde o encontraremos?
Salío a mosca
da súa mosqueira:
- Sigan esa voda,
que eu son panadeira.
-Agora, vidiña,
pan xa o temos.
Fáltanos a carne.
¿Onde a encontraremos?
Salío o lobo
do seu lobeiro: [163]
- Sigan esa voda,
que eu son carniceiro.
- Agora, vidiña,
carne xa temos.
Fáltanos o viño.
¿Onde o encontraremos?
Salío o mosquito
por tan pequeniño:
- Sigan esa voda
eu levarei o viño [164].
I estando na voda,
con tanto ruído [165],
apareceu un gato, [166]
e comeu o padriño. [167]

Outros fragmentos:

Gracias a Dios
que viño xa temos;
fáltanos a carne
¿onde a encontraremos? [168]
Salíu o lobo
detrás do palleiro:
"Que sigan as vodas, [169]
que eu son carniceiro".
Gracias a Dios,
que carne xa temos;
fáltannos manteles,
¿onde encontraremos? [170]
... [171]

---

[160] Raiaseca:232-233. Inform. da Sra. Pilar Rodríguez. San Ciprián de Hermisende (Zamora).
[161] No texto, en tódolos casos: *Ónde*.
[162] No texto: *súas* (sic).
[163] No texto, este verso e o anterior forman un só: *Salío o lobo do seu lobeiro*.
[164] No texto: *levaréi*.
[165] No texto: *ruido*.
[166] No texto: *aparecéu*.
[167] No texto: *coméu*. FINGOI:193. No texto, en tódolos casos: *boda/bodas.*
[168] No texto: *dónde*.
[169] No texto: *bodas*.
[170] No texto: *dónde*.
[171] Morei:388.

Agora meniña
manteses xa temos
fáltanos a carne
¿onde a toparemos?
Saleo o lobo
detrás do valado
Se queredes carne
eu son obrigado-
Agora meniña,
carniña xa temos
fáltanos padriño
¿onde o toparemos? [172]

Agora viño
xa o temos:
¡Vaca de mi vida,
onde a buscaremos! [173]
Saleu a loba [174]
por detrás da burata [175]*:*
fáganse as vodas [176]
que eu darei a vaca [177]*.*
Agora, vaca
xa a temos:
¡gaiteiro de mi vida
onde [178] *o buscaremos!* [179]

Ahora mi niña
panciño xa temos
fáltanos a carne
¿donde la hallaremo?
Saiu o zorro
detrás do balado,
se queredes carne
mandaime recado. [180]

... ahora mi vida, viniño tenemos
fáltanor la carne ionde la hallaremos
ai la la la...
saliu o lobo detrás do valado
si fai falta carne mandarme recado
ai la la la...
i ahora mi vida carniña tenemos
falta la madriña ionde la
hallaremos... [181]

Ay de vida miña,
manteses xa temos,
fáltanos a carne,
¿onde a encontraremos?
Salíu o lobo
detrás do outeiro:
Mándame recado
que son carnufeiro.
Ay de vida miña,
carniña che temos,
fáltanos o viño,
¿onde o buscaremos?
... [182]

... gracias a Dios que viniño xa temos
fáltano-la ixiña ia dónde la hallaremos
saliu a hormiga do seu hormigal
eu son carnicera mándenme buscar
gracias a Dios que ixiña xa temos
fáltano-lo padriño ia dónde lo
hallaremos... [183]

Catelina do Rifante,
contigo non quero tratos:
o teu pai é carniceiro
fóxenlle os cas cos cabacos. [184]

Non te cases cun ferreiro
que te queiman as muxicas,
cásate cun carniceiro,
comerás caldo de tripas. [185]

---

[172] Coto2:112.
[173] No texto: *dónde*.
[174] No texto: *Saléu*.
[175] No texto: *d'a*.
[176] No texto: *fágans'as bodas*.
[177] No texto: *qu'eu daréi*.
[178] No texto: *dónde*.
[179] JPBIII:27. Copiamos só un fragmento. A versión completa pódese consultar entre as páxinas 26 e 29 do orixinal.
[180] Niño.
[181] SCHU4/2/3a. Recollido en Salto das Conchas, Grou, Lobeira.
[182] Mel2:486. No texto non abre a interrogación.
[183] SCHU4/2/3b. Recollido en Celavente, O Bolo. Dado que *ixa* é voz para escorrenta-las pitas, *ixiña* pode tratarse de *carne de galiña*.
[184] XLF:620; no texto: *cás*. Xaquín Lorenzo recolle esta mesma cantiga no *Cancioneiro da Limia Baixa* (LimiaB:173), como fragmento dun desafio, pero alí escribe, cremos que por erro, *o teu pai é carpinteiro*; explica: *Rifante, o mesmo que branco ou carniceiro*. Tamén recolle estoutra cantiga: *Dime, por Dios, Cateliña,/ quén te meteu nistes tratos;/ o teu pai é carpinteiro,/ fóxenlle os cás cos cabacos./ - Non teñas medo, Palmela,/ heiche decilo que sei:/ o sangue todo é bermello,/ o que ten diñeio* (sic) *é rei* (LimiaB:70). E explica que O Palmela era un famoso fistor natural *de Lovios* (sic) que *viviu do ano 1802 ao 1878 e ainda polo ano 1932 era lembrado por todas estas partidas.*
[185] ERG:muxica.

Non te cases cun ferreiro
que te queiman as muxicas,
cásate cun cortador,
comerás caldo de tripas. [186]

Os de Noia son borrachos,
os de Muros, aloqueiros,
os de Fisterra son mansos,
e os de Sou son bucheiros. [187]

Teño de faer unha grade
das ponlas don limoeiro
aí vos vén o touro bravo
ir chama-lo carniceiro. [188]

A pola [189]

¿Canto pesará esta pola? -
perguntoulle a Xuana Luís.
-Tres libras- ¿Seica estás tola?
-Poida que máis. - Vaite á escola.
Pois non sábe-lo que dis
A esto reprica Bastián,
fungando no tabaqueiro,
-Poida ser, que di un refrán:
"Á muller e ó carniceiro,
médralle a chicha na man".

Sarmiento nas *1200 coplas* [190] que compuxo inseriu algo que se relaciona con este tema:

E que aca na Vila,
como carnizeiro,
matou os almallos,
os bois e becerros,
os jatos e bacas
e mais os carneiros,
con marras, machados,
e mais con cuitelos?
E que os esfolaba,
vendia os pelexos,
cortaba e vendia
a carne no peso?

6.2.2. Accións do cortador

5344 **desfeita** *s.f.* Acción de despeza-lo animal sacrificado para vendelo por pezas. (Gro5).

5345 **desfacer** *v.* Parti-la canal en pezas. *Cando unha vaca caía e partía unha perna, matábana e os veciños desfacíana e ían vendendo as pezas polas casas para xuntar prá perda. E, cando morría de enfermedá, tamén ían pedir polas casas pra axudar á perda*. (Barro,Ctel17).

5346 **desosar** *v.* Quitarlle os ósos á canal na cortadoría. (Piquín).

5347 **despalmar** *v.* Ver DESPEZAR /5348. (Com7).

5348 **despezar** *v.* Dividi-la canal en partes para a súa venda na cortadoría. (Común).

5349 **filetear** *v.* Cortar [a peza de carne] en filetes. (Laxe, Sada).

5350 **tallar** *v.* Cortar [a carne]. (Gro1).

Non se sabe o que pesa a carne en canto non o dá a romana. (XTC4) [191]
Non se sabe o que pesa a carne en canto non o di a romana. (MVN2:95; ZM:157) [192]
Non se sabe o que pesa a carne en canto non o día a romana. (XTC4) [193]
Non se sabe o que pesa a carne mentras non o di a romana. (ERG:carne) [194]
Se non é boi, é vaca. (XTC4; VS; Camb1:47/101; Castre.; Saln4) [195]

---

[186] DBP:2789. No texto: *con ferreiro* (pero *cun cortador*).

[187] VLQ2:383. No texto: *Noya, e-os*. Traemos aquí esta cantiga por entender que estes *bucheiros* son carniceiros aínda que nós non temos rexistrada esta voz; si *bucheu, buxeo* e *buxeu*.

[188] SCHU6/2/1979.

[189] BL: 14. No texto: *Cánto, perguntoull'a, Vait'a escola, sabel-o que dís, A muller, o carniceiro, médrall'a*.

[190] FMS5:155,1135-1137.

[191] XTC4: *nono.* Recólleo do *Diccionario* de Valladares.

[192] No texto: *n'o dí* (MVN2); *dí* (ZM).

[193] XTC4: *nono dia.* Recólleo en Viveiro.

[194] ERG: *nono.*

[195] Taboada Chivite remite a un conto recollido nas *Act Congreso Santo Tirso VI p. 325-326*. Saco comenta: *Si no es una cosa, es otra.* No texto: *si* (XTC4); *e boi e vaca* (Saln4).
En Portugal corre unha adiviña que di: *Enquanto vivo sou, macho me aclamam,/ Morto eu, só por fêmea assim me chamam*.

6.2.3. Trebellos



Tallo antigo de carniceiro (Centro Etnográfico de Soutelo de Montes, Forcarei, Pontevedra).

5351 **cepo 1** *s.m.* Tronco groso empregado nas cortadorías para parti-los ósos. (VGR).
5352 **macelo 3** *s.m.* Tundidor con que se insensibilizan as reses para degolalas despois. (VLLM).
5353 **picadeiro** *s.m.* Toro de árbore que se utiliza para corta-la carne na cortadoría. (Enque., ERG, JMP).
5354 **talladeiro** *s.m.* Tronco pequeno e groso sostido en tres pés que se emprega nas cortadorías para corta-la carne. (ERG).
5355 **tallador** *s.m.* Ver TALLADEIRO /5354. (ERG).
5356 **tallo 1** *s.m.* Ver TALLADEIRO /5354. (Gro5, Ibias1, JMP).

Coitelo mangurreiro non talla a carne e tállame o dedo. (ERG:coitelo)
O mal coitelo non corta na carne e corta no dedo. (ERG:coitelo)

6.3. As pezas de carne

6.3.1. O despezamento

Fronte ó asado integral primitivo, que se conserva no carneiro ó espeto de Moraña, e fronte ó asado rotatorio que se fai con polos ou con porquiños leitóns, o tratamento culinario do porco adulto e, sobre todo, o da vaca esixen un despezamento previo do animal. Dado o volume dos animais, o despezamento é máis detallado na vaca do que é no porco.

Hai pezas miúdas que, neste e noutros animais, deslíndanse por si mesmas (lingua, corazón, figado, riles, bofes, preestómagos e similares). Polo tanto non imos falar aquí delas; farémolo en 6.4. Pero o despezamento das masas musculares da vaca, seguindo divisións anatómicas, formadas por un músculo ou un grupo de músculos inmediatos de características organolépticas similares, foi creando en cada país, ó longo dos séculos, diferentes cortes ou pezas de carne con diferente categoría comercial e distinto uso na cociña.

As pezas responden á diferente categoría comercial de cada parte pero esta valoración depende dos hábitos e preferencias culinarias. Así que, sendo diferentes as tradicións culinarias de cada país, non existe un corte estandarizado en todo o mundo: as liñas de corte varían duns países a outros e dunhas rexións a outras

dentro dun mesmo país. Portugal e Brasil practican cortes diferentes (LOliveira) [196] e mesmo en Portugal hai (ou había hai trinta anos) cortes oficialmente diferentes no Norte e no Sur (CPlag) [197]; mentres que no Rio de Janeiro practícanse hoxe modelos de corte dos que só resultan 12 pezas e tamén outros modelos de 21 pezas. En Portugal hai algún modelo de 13 pezas para becerros. Os países europeos tamén presentan diferenzas de detalle nos cortes.

A modo de exemplo pódense visitar estes sitios, que nós consultamos o día 11.02.2010.

Portugal	http://www.mirandesa.pt/receitas.htm
	http://commons.wikimedia.org/wiki/File:Beef_cuts_Portugal.svg
España	http://www.portalgastronomico.com/El_Rebost/Carnes/Despiece_de_Bovino.htm
	http://www.mitfe.com/despiece_vac.htm
	http://www.ocu.org/vacuno/
Francia	http://www.terredesomme.com/elevage/bovin-viande.asp
	http://www.cm-aude.fr/syndicat/boucher_site/morceauxboeuf.html
	http://www.linternaute.com/femmes/cuisine/encyclopedie/fiche_composant/160/boeuf.shtml
Italia	http://www.ilmaiseto.it/INDEX2.htm
Alemaña	http://de.wikipedia.org/wiki/Rindfleisch: nomes dos cortes (en alemán)
Arxentina	http://www.produccionbovina.com/
	http://www.pasqualinonet.com.ar/images/037-Cortes.jpg
Canadá	http://www.beefinfo.org/site/virtualcounter/index.asp
	http://www.veaudelait.com/produit/coupes.html
Colombia	http://www.agropec.com.co/despostad.htm
Estados Unidos	http://www.askthemeatman.com/beef_retail_cuts_chart.htm
	http://www.ca.uky.edu/agripedia/agmania/meatid/retailbe.gif
	http://www.virtualweberbullet.com/meatcharts.html

É certo que hai unhas tendencias no corte que podemos calificar de universais pero as variacións de detalle son tantas, que case se podería dicir (con algo de hipérbole, iso si) que en toda a vaca só hai unha peza muscular universalmente identificada e definida: o solombo (*solomillo, filet, tenderloin*). Tódalas outras teñen perfís máis ou menos parecidos pero nunca estritamente coincidentes.

Galicia ten, de tradición, un corte algo diferente do resto de España. Pero na propia Galicia costeira este corte, segundo nos explicaba un carniceiro de Portonovo, varía do inverno ó verán, en función da diferente procedencia da clientela (clientas galegas no inverno e clientas doutras orixes no verán) e en función dos diferentes pratos que se adoitan facer nunha e noutra época (cocidos e potaxes no inverno, fritos e asados no verán). Como se ve, é a cociña a que impón os cortes. Un segundo factor que impide a conservación do corte galego é o feito de que as cortadorías das chamadas *grandes superficies comerciais* están cortando en Galicia á moda de Madrid e os grandes distribuidores de carne seguen basicamente o modelo madrileño de despezamento e isto está provocando unha progresiva uniformización aínda que en Galicia as cortadorías tradicionais seguen mantendo as liñas galegas de despezamento. Ternera Gallega, que busca tamén unha estandarización comercialmente necesaria, oscilou nestes últimos anos entre 19 e 22 pezas.

Para comparar visualmente os diferentes esquemas de corte, pódese compara-lo corte de Ternera Gallega de 22 pezas (http://www.terneragallega.org/usos-culinarios.html?id=ga) cun corte portugués meridional de 13 pezas (http://www.andifer.com/produtos.php) e cun corte francés de 15 pezas (http://www.hapitrading.com/fr/produits-viandes/boeuf.html) que, neste caso, ofrece tamén a súa versión en catro linguas. Nelas vese graficamente que unha mesma denominación designa pezas de diferente perfil.

Vexamos, para empezar, as correspondencias galego-gastelás do despezamento de 21 pezas que practica *Ternera Gallega* en febreiro do 2010:

[196] Maria do Carmo Leite de Oliveira, lingüista da Pontifícia Universidade Católica do Rio de Janeiro e asesorada directamente nunha cortadoría, dinos incluso que non recoñece como portugués do Brasil palabras como *vazia, ganso, cheio de alcatra, rabadilha, pojadouro, coberta, cachaço, chambão* e *maça.* Remítenos a esta páxina brasileira: http://guiadereceitas.uol.com.br/receitas/5-Materia-Cortes-de-carne Pero tamén nos remite a http://www.maisreceitas.info/artigo-cortes-de-carne/

[197] Cornélia Plag, lingüista da Universidade de Coimbra infórmanos de que se pode ter información máis detallada das diferenzas de cortes da carne no Norte e Sur de Portugal, aínda que referida a 7.04.1978, en http://www.dre.pt/pdf1s%5C1978%5C04%5C08102%5C00190021.pdf

Os 21 cortes de Ternera Gallega (2010)		
GALEGO		CASTELÁN
Pescozo		Pescuezo
Agulla		Aguja
Lombo alto		Lomo alto
Lombo baixo		Lomo bajo
Solombo		Solomillo
Cadeira	Croca	Cadera
Tapilla		Tapilla
Folla dura		Contra con redondo
Blanquita		Redondo
Lonxa		Tapa
Rabo		Rabo
Boliche	Man de diante	Pez
Espaldiña		Llana
Espalda		Espaldilla
Costeleiro		Costillar
Vacío		Vacío
Corte redondo		Babilla
Febra miúda		Culata de contra
Xarrete		Morcillo
Tes		Brazuelo
Xarrete		Jarrete

▸ Fonte: http://www.terneragallega.org/usos-culinarios.html?id=es [04/02/2010]

Vexamos, pola contra, o dun consorcio internacional de 17 pezas na mesma data

Os 17 cortes dun consorcio internacional			
PORTUGUÉS	CASTELÁN	FRANCÉS	INGLÉS
Cachaço	Cuello	Collier	Neck
Acém	Aguja	Basses côtes	Chuck roll
Vazío alto, 5 costelas	Lomo alto (con hueso)	Carré de côtes –Entrecôtes	5-ribs – Cube roll
Vazia sem osso	Lomo bajo	Faux filet	Striploin
Lombo	Solomillo	Filet	Tenderloin
Alcatra	Cadera	Rumsteck	Rump
Pojadouro	Tapa	Tende de tranche	Topside
Chã de fora	Contra con redondo	Semelle	Silverside
Pá	Espaldilla	Epaule	Shoulder
Chambão	Jarrete	Jarret	Hindshank
Óculo da aba	Vacío	Bavette de flanchet	Flank steak
Diafragma	Entraña fina	Hampe	Thin skirt
Lombelo	Entraña gruesa	Onglet	Thick skirt
Ponta de alcatra	Rabillo	Aiguillette baronne	Rump tail
Carne da aba grossa	Carne de falda	Bavette d'aloyau	Internal flank plate
Rabadilha	Babilla	Tranche grasse	Knuckle
Chambão	Jarrete	Jarret	Hindshank

▸ Fonte: http://www.hapitrading.com/en/meat-products/beef.html [04/02/2010]

A simple comparación das imaxes cos esquemas de corte, fai ver que a correspondencia das denominacións nas táboas anteriores enmascara contidos musculares diferentes.

6.3.1.1. A cuestión da calidade

A clasificación comercial faise en función da calidade que o mercado atribúe ás diferentes pezas que se obteñen da canal, xa que dentro dun mesmo animal as diferentes rexións corporais proporcionan carnes de maior ou menor aprecio (e, polo tanto, de maior ou menor prezo) segundo a proporción de tecido conxuntivo e graxo; ou de músculo e óso, tendóns, fascias e aponeuroses –vulgarmente *nervios*-, que determinan conceptos

como o de brandura e dureza da carne. En xeral, as pezas obtidas de zonas de menor exercicio (como o solombo ou o lombo) son de maior calidade, máis brandas, menos fibrosas, cás zonas de maior exercicio (como as patas), independentemente de que o valor nutritivo da carne é o mesmo sexa cal sexa a zona de onde proceda, por suposto sempre a igualdade de porción comestible.

6.3.1.1.1. Cada peza ten a súa cociña e diso depende a calidade final

Ora ben, comprobamos que existe un debate verbo do concepto de calidade (carnes *boas* e *malas*, ou, polo menos, *mellores* e *peores*), debate que en certa medida capitanea entre nós a denominación de orixe Ternera Gallega, e que tende a facer ver que o concepto de calidade ten moito de mercantil, xa que, aínda que hai carnes naturalmente máis brandas e menos correosas ca outras, tamén é certo que carnes en principio máis duras poden pasar por brandas se se someten a maduración (a carne mellora cunha semana de maduración cun axeitado sistema de frío) e se se cociñan axeitadamente. Así, a experiencia demostra que o *encontro*, a *carne do encontro*, a que está na unión do úmero co radio e o cúbito e que en castelán se denomina *brazuelo*, é unha carne que nas empanadas vai moi ben. Ctel12, que é carniceiro, dinos que a carne que vai pegada ás vértebras cervicais é tan tenra e saborosa coma o solombo (que el lle chama *lagarto* ou *raxete*) e di que, se o cociñeiro sabe preparala, parece un verdadeiro solombo: precisa menos cocción e vale para a prancha ou para fritir; engade que é carne que el leva para a súa casa porque a xente non a valora, e que, cando lla aconsella, hai clientes que pensan que os quere enganar. Valladares describe a *carne da croca* como *la mejor para el puchero* [198]. Por iso debemos concluír que máis que calidades hai usos culinarios, que tódalas pezas teñen usos culinarios diferentes e calquera unha delas, cociñada axeitadamente, é boa [199]; e que o menosprezo dunha determinada peza vén do uso desaxeitado que desa peza se faga na cociña. Os usos culinarios cambian a valoración, cambian a tendencia de consumo, cambian a demanda.

Segundo o anterior, cada peza de carne ou grupo de pezas de características similares terá un uso gastronómico específico. En liñas xerais, as pezas do lombo e da coxa adoitan ter menos graxa e máis músculo: isto fainas axeitadas para facer filetes ou elaborar asados. Outras pezas como costeleiro, xarrete, pescozo, rabo, por teren máis graxa e xelatinas, están indicadas para cociñalas cocidas ou guisadas.

É certo que esta posición ten tamén algo de mercantil (ningún carniceiro se pode limitar a vender lombos e solombos, ten que vende-lo conxunto comestible da vaca) pero é tamén certo que a cociña tradicional galega é unha cociña pouco elaborada. Entre nós a carne cócese, frítese, ásase ou estófase pero, en xeral, non hai unha grande elaboración. E isto é así porque entre nós se adoita sacrificar becerros moi noviños, de oito a dez meses (e hai algúns anos aínda se mataban de catro meses, de onde quizais veña que moita xente diga que "antes" a carne estaba máis branda). Con oito meses toda carne é branda e a cociña non precisa elaboración: unha cousa leva á outra.

Pero, á marxe das normas máis ou menos oficiais ou dos intentos estandarizadores das administracións ou dos sectores profesionais directamente afectados, na práctica obsérvase como xa dixemos unha notable variedade de cortes, que varían duns lugares a outros en razón dos gustos dos consumidores, afeitos a encontraren determinadas pezas, e tamén en razón da habilidade do carniceiro para lle tira-lo máximo beneficio a cada corte.

6.3.1.1.2. En Galicia fanse menos cortes, porque se consome máis tenreira ca animal adulto

As diferenzas de gustos entre Galicia e o conxunto de España hoxe son notorias: a carne de vacún que se consome hoxe en Galicia é tenreira nun 94,25%, mentres que no conxunto de España éo nun 76,96%; e, se excluírmos do cómputo o consumo galego, a porcentaxe aínda sería máis baixa. Os datos que nos fornece o MAPA son ben ilustrativos:

Consumo de carne				
	España		Galicia	
	kg / persoa	porcentaxe	kg / persoa	porcentaxe
Total vacún	7,25	14,37%	10,95	21,07%
Tenreira	5,58	76,96%	10,32	94,25%
Xovenca	1,19	16,41%	0,5	4,56%
Vacún maior	0,45	6,21%	0,16	1,46%

▸ Fonte: http://www.mapa.es/es/alimentacion/pags/consumo/BD/consulta.asp [2.12.2008]

[198] MVN: *còca*: A definición completa é: *Carne de las ancas del buey, ó vaca, en la parte que cae á los lados del espinazo, cerca de la cola, carne que, dicen, ser la mejor para el puchero*.

[199] O señor Sayáns, cortador de Feiraco en Santiago, dicíanos: *A tapa do peito é carne seca e non vale para asar nin guisar pero vale para cocer ou enrolar*.

Neste cadro as porcentaxes das tres idades refírense só ó total de carne de vacún consumida.

Mentres en Madrid se sacrifican reses de 15-20 meses de idade, en Galicia sacrifícanse becerros de entre 8 e 10 meses, con pesos de 150-180 kg (e ata hai ben pouco só con 3-4 meses de idade e uns pesos en canal de tan só 80-100 kg). Toda a carne destes becerros é tenra, con escasas diferenzas entre uns músculos e outros, e isto fai innecesario separar pezas como o faría un carniceiro de Madrid, con reses de maior idade e pesos e tamaños moi superiores.

En consecuencia, nas carnicerías galegas practícase un despezamento máis sinxelo có descrito nas táboas de corte castelás, resultando un número algo menor de pezas de carne.

Pero ese cadro pode resultar enganoso. Como diremos en 6.6.2.1, o consumo preferente de carne de tenreira en Galicia é un fenómeno ben recente que se inicia moi probablemente nos últimos cincuenta anos. Tradicionalmente en Galicia becerros e becerras vendíanse; e as poucas vacas que se comían eran as vacas vellas, que xa criaran e xa traballaran no carro e no arado todo o que podían traballar. Ora ben, o consumidor galego era pobre pero non ignorante: de xeito que, en canto a mecanización do campo fixo innecesario o traballo do gando adulto e a suba do nivel de vida nos últimos trinta anos permitiu que Galicia se incorporase ó consumo de carne de vaca, Galicia empezou a consumir preferentemente esa carne que secretamente máis apreciara sempre.

É posible, polo tanto, que o menor número de cortes non teña que ver co tamaño do animal senón con hábitos ancestrais dos cortadores galegos, dos que nada máis sabemos cá súa persistencia.

6.3.1.2. A cuestión das denominacións

6.3.1.2.1. A menor idade, menos cortes e menos nomenclatura

Se, como acabamos de dicir, en Galicia o despezamento na cortadoría dá un número algo menor de pezas, é inevitable que teñamos tamén un menor número de denominacións ou terminoloxía. Os peculiares hábitos do cortador galego fan que certas pezas que fóra de Galicia se separan, aquí vaian como apéndice doutra peza e que se denominen referencialmente *punta de...* ou *rabo de...* E así, aínda tendo boa parte das pezas un nome tradicional galego, equivalente ó nome desa mesma peza en castelán, hai outras que, ó non separalas, carecen de nome galego propio (ou nós non llelo demos encontrado); tal é o caso do que en castelán se chama *llana*.

Pero estes cortes únicos, que en Galicia non se desagregan en subpezas, tampouco son comúns en tódalas prazas e isto convértese nunha nova fonte de confusión. Así acontece coa *man de diante* (ver 6.3.10), que corresponde ó que en castelán son a *espaldilla*, o *pez* e a *llana* (e aínda hai cortes casteláns que separan a *maza*). E, polo que temos visto, hai lugares ou momentos nos que se vende como tal *man de diante*, completa, e outros lugares nos que separan o *boliche* ou *redondo da man* (que equivale ó *pez*) ou, cando a clienta é castelá, tamén a *llana*, *tapa* ou *tapilla.* Semellante é o caso da *croca* (ver 6.3.6), que aquí agrupa o que en castelán separarían cos nomes de *cadera* e de *rabillo de cadera* pero que os nosos carniceiros normalmente non separan [200]. Pero por Ourense esa *croca* coñécese como *cuada*, nome que noutros lugares designa exclusivamente ese *rabillo de cadera*.

Todo iso está relacionado co feito de que en Galicia se sacrifican animais máis novos, porque, cando algunha vez se sacrifican animais adultos, si que se separan, se atendemos a canto di a Asociación Gallega de la Carne (AGC: 40), cando fala do despezamento ocasional de *cadera, rabillo de cadera, babilla*.

A menor idade de mata en Galicia ten tamén como consecuencia inmediata o feito de que haxa pezas que entre nós non chegan a coñecerse. Os becerros, en chegando a bois adultos, crían preto da caluga unha masa musculosa que é un referente visible da forza que teñen. Esa parte musculosa recibe na cortadoría castelá o nome de *morrillo.* Ben, pois como en Galicia os becerros se sacrifican máis novos, non chega a desenvolverse ese músculo e, non habendo en Galicia *morrillo,* non hai nome en galego para tal peza. Téñeno, en cambio, os bovinos de vinte e máis meses que sacrifican en Castela pero o boi capado tampouco o desenvolve, atrófiao.

Queda, por fin, o caso das *tapas.* Hai, en primeiro lugar, unha peza coñecida como *folla branda* (e como *tapa* en castelán e *pojadouro* en portugués), que está situada na cara interna da coxa. Por analoxía tamén se coñecen como *tapas* outros músculos superficiais e normalmente planos de distintas rexións do

[200] Ctel12 di que o que en castelán chaman *rabillo de cadera* é unha peza muscular (*tensor fasciae latae*) que baixa da cadeira (óso ilíaco) cara ó corte redondo e confirma que non a separa deste, que a deixa ir con el.

corpo; de xeito que temos *tapa da man de diante* (que é a parte superficial e plana da peza coñecida como *man de diante*) e temos igualmente *tapa do peito, tapa da agulla, tapa da espalda* e *tapa da paleta.*

6.3.1.2.2. A eclipse terminolóxica da xente nova: *Dáme carne pra asar*

E a todo o anterior haille que engadi-lo feito de que o actual proceso de urbanización provoca que as persoas por baixo dos cincuenta anos carezan da experiencia de matar na casa unha vaca ou becerro e, polo tanto, non coñecendo as pezas resultantes, tampouco coñecen os nomes delas [201]. A xente de mediana idade ou a xente nova carece desa experiencia e do correspondente vocabulario. Contan os carniceiros que só a xente maior recoñece as pezas e só ela as pide polo seu nome con frases coma *Ai, tes aí un raxete, pésamo a ver canto costa*, ou ben *dáme da folla branda.* A maior parte das clientas (esta é unha operación maiormente feita por mulleres) limítase a pedir *croca* ou *redondo* (noutras partes *blanquita*)*,* porque sabe qué resultado dan esas pezas na súa cociña pero ignoran en qué parte da vaca están situadas. E a xente que carece da experiencia da mata doméstica, adoita dicir simplemente *dáme filetes, dáme carne para asar, dáme para churrasco, carne para bistés, carne para cocer*: só a croca e a agulla parecen sobrevivir a esta eclipse terminolóxica. Neste clima de perda do vocabulario técnico cobran un valor substitutorio os nomes que figuran, a maior parte das veces en castelán, nos carteis de despezamento que o cortador ten á vista do público [202] influíndo tamén nalgúns carniceiros novos [203]. E, aínda así, tampouco estas denominacións conseguen sobrevivir: os carteis de despezamento parecen formar parte da decoración e a peza que o cliente ve na vitrina resúltalle anónima. As áreas comerciais xa etiquetan os cortes de carne simplemente con denominacións funcionais, como *filetes ternera, asar ternera, filete fino para plancha o freír,* etc.; ou de calidade: *trozo 1ªA ternera*; xunto a excepcións máis indicativas: *blanquita ternera, aguja ternera, costilla ternera*.

O efecto didáctico dos carteis das cortadorías, a publicidade comercial, as etiquetas en castelán que usan as chamadas grandes superficies, as cartas de restaurantes, os libros de cociña, os programas de cociña na TVE etc. fan que estean entrando no uso galego outras denominacións como *solomillo, babilla, morcillo, costillar* pero tamén que, pola contra, a osmose terminolóxica faga aparecer no castelán de Galicia a *hoja blanda¸* calco da denominación galega *folla branda.*

Resumindo todo o que levamos dito, imos tratar de amosar en cadros comparativos o despezamento habitual do vacún cos nomes nos distintos idiomas das pezas correspondentes.

6.3.1.3. A estandarización dos cortes

Non existe, polo tanto, un sistema oficial de despezamento, aínda que si existen orientacións básicas encamiñadas a regula-la actividade comercial de xeito que o cliente saiba qué calidade compra e qué prezo lle corresponde. Ata onde nós sabemos, foi a *Comisaría de Abastecimientos y Transportes* [204] a que na primeira mitade do século pasado aceptou o sistema de corte e a nomenclatura utilizados no mercado madrileño e deulle carácter xeral para toda España baixo o nome de *Canal Madrid* [205].

Dende aquela foi cambiando o sistema de clasificación, pasando das tres calidades de outrora ás cinco de hoxe: extra, primeira A, primeira B, segunda e terceira, agás para o vacún maior, onde non existe a categoría extra. Pero os nomes das pezas mantivéronse practicamente iguais. As categorías e denominacións actuais son as que se recollían nas *Normas para el comercio al detall de la carne* (BOE 165 de 1975), que presentaba 24 cortes diferentes de carne [206]. A diferente literatura técnica consultada segue basicamente a mesma clasificación e nomenclatura e temos constancia de que os carniceiros tamén a coñecen aínda que é evidente que non todos a seguen.

---

[201] O citado señor Sayáns dicíanos: *Da carne sabía máis a xente de antes cá de agora, porque mataban eles e sabían a forma das pezas*.

[202] Así se explica o predominio case absoluto do castelán *solomillo* fronte ó galego *solombo*, de reducidísima presenza. Algún carniceiro nos dixo que só a xente vella sabía o que era o *lagarto*, esa mesma peza que tódalas súas clientas novas recoñecían como *solomillo*.


[203] Coñecemos algún que xa lle chama *llana* á man de diante (en castelán *espaldilla*) e ó que en castelán sería a *llana* chámalle *tapa;* e outro que lle chama *lomo baixo* ó lombo alto, *porque todo é lombo e porque, cando o animal está colgado, o lombo alto queda embaixo e o lombo baixo queda enriba*.

[204] Organismo que pertenceu ó Ministerio da Gobernación e logo ó de Comercio, ata a súa desaparición en 1971 ó seren absorbidas as súas funcións polo SENPA (*Servicio Nacional de Productos Agrarios*), do Ministerio de Agricultura. O SENPA, á súa vez, foi substituído polo actual FEGA (*Fondo Español de Garantía Agraria*), dentro do Ministerio do Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño.

[205] Unha Circular da Dirección General de Ganadería de 14 de abril de 1940 unificou o sistema de preparación da canal en tódolos matadoiros de España e impuxo como obrigatorias as liñas de despezamento da *Canal Madrid*, normal oficial de contratación da carne (CSE:17).

[206] Na seguinte táboa pode comprobarse que se relacionan 26 pezas diferentes, pero a verdade é que a *falda* e o *costillar* representan unha única peza, e o *pecho* e *costillar*, outra.

Categoría	Denominación galega	Denominación castelá	Situación
Extra	Solombo	Solomillo	Cuarto traseiro
	Lombo	Lomo	Cuarto traseiro
1ª A	Corte redondo Folla branda Folla dura Croca Rabo da croca Redondo	Babilla Tapa Contra Cadera Tapilla Redondo	Cuarto traseiro
1ª B	Febra miúda Punta da croca	Culata de contra Rabillo de cadera	Cuarto traseiro
	Agulla	Aguja	Cuarto dianteiro
	Man de diante	Espalda	
		Espaldilla	
	Redondo da man	Pez	
2ª	Xarrete	Morcillo	Cuarto traseiro
	Tapa da paleta Centro da man Paleta do peito -------- Xarrete	Llana Brazuelo Bajada del pecho (aleta) Morrillo Morcillo	Cuarto dianteiro
3ª	Faldra Costeleiro Rabo	Falda Costillar Rabo	Cuarto traseiro
	Pescozo Peito Costeleiro	Pescuezo Pecho Costillar	Cuarto dianteiro



▸ Táboa de despezamento (adaptado de *Ternera Gallega*).

No que levamos dito queda explicada a orixe das asimetrías que se perciben no cadro anterior.

As primeiras táboas de despezamento que coñecemos coas denominacións en galego aparecen a finais dos anos oitenta [207]. As categorías comerciais son as mesmas cás táboas castelás e, aparentemente, as pezas

[207] *Vocabulario do medio agrícola*, da Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 1988; un póster editado polo mesmo organismo e no mesmo ano dentro da campaña *Mellor en galego* e un folleto, sen data pero anterior a 1990, titulado *Despece do Vacuno*, da Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

diferenciadas tamén, por moito que logo non se corresponda coa realidade das pezas expostas nas vitrinas das cortadorías. Aínda máis: faltan algunhas denominacións e, para aumenta-la confusión, aparecen notorias discrepancias entre as fotografías que ilustran os cortes e os nomes utilizados [208]. Posteriores publicacións, de diferentes institucións e entidades privadas, xa en castelán, xa en galego, contribúen tamén a manter esta confusión, sobre todo na colocación das distintas pezas nos carteis de despezamento, ás veces absolutamente inexplicables.

A cortadoría recibe hoxe do matadoiro a carne en unidades de media canal ou cuartos de canal, segundo as divisións que vimos arriba. A partir destas pezas o cortador separa no seu establecemento os diferentes cortes de carne que exporá para a venda ó público en pezas completas, ó peso ou en unidades de ración. Na actualidade, resulta cada día máis frecuente que se abastezan de salas de despezamento, que realizan esa división das canais –normalmente en mellores condicións sanitarias- e distribúen as pezas envasadas ó baleiro segundo a demanda dos puntos de venda.

Cómpre sinalar que a regulación do mercado consonte patróns comerciais internacionais, xunto á necesidade de lle dar saída ó total das partes comestibles da vaca e non só a aquelas pezas máis demandadas, está facendo aparecer pezas novas formadas por agrupación de cortes. A propia Asociación Gallega de la Carne (AGC) no seu *Manual de la Carne* presenta no mercado tanto cortes simples como combinacións deste tipo: *Aguja + morrillo + cuello con/sin tapa*; *Espaldilla + pez* ou *Centro de espaldilla + espaldilla + pez + llana*.

Agora que existen consorcios internacionais de comercialización de carne, cada consorcio vai establecendo o seu propio sistema de corte. Así o de *www.interviandes.com* (e que corresponde á zona francesa do Poitou francés) é diferente do que se comercializa en *www.hapitrading.com/fr/produits-viandes/boeuf.html*. Por unha banda constátase unha confluencia internacional, dirixida pola vontade unificadora e estandarizadora da mercado, pero, por outra banda, tamén se constata a forza que teñen no mercado local os usos culinarios específicos de cada país.

6.3.1.4. Equivalencias internacionais das pezas galegas de carne de vacún

Os servizos nacionais de terminoloxía traballan para que a cada unidade existente no mercado corresponda unha descrición unívoca e unha denominación oficial con equivalencia estandarizada en tódalas linguas de cultura. Pero, se é posible unha nomenclatura internacional única e estandarizada para pezas de automóbil ou compoñentes electrónicos e cousas semellantes, porque son realidades idénticas en todo o mundo, non parece posible tela, de momento, para designar pezas de carne de vacún porque teñen contido, perfil e dimensións heteroxéneas segundo os países.

En consecuencia, o cadro que ofrecemos é o das equivalencias noutras linguas dos 19 cortes galegos de Ternera Gallega; pero non a equivalencia galega dos cortes estranxeiros, porque non podemos oculta-la visible asimetría entre os diferentes mercados: hai pezas fóra de Galicia que aquí nunca se separaron e por iso para elas non temos nome galego, coma tal a *llana* e o *morrillo* da cortadoría madrileña e que, casualmente, tampouco parecen ter nome noutras linguas estranxeiras. Esta táboa, como xa dixemos en 6.3.1., non inclúe miúdos como lingua, riles, fígado, graxa e similares. Para elaborala, partimos da proposta estandarizadora da Asociación Gallega de la Carne (AGC).

[208] Así, o *Despece do Vacuno*, da Dirección Xeral de Consumo (DXC), utilizou unhas fotos e textos dunha publicación anterior do Ministerio de Economía e Comercio (MEC) de 1975 pero coa mala fortuna de incluír numerosos erros nos pés das fotografías e na colocación das pezas no debuxo esquemático da res. Por exemplo, a peza que para o MEC era *Espaldilla* é para a DXC *Boliche* (pero o nome *boliche* corresponde en castelán ó *pez*); a peza que para o MEC era *Culata de contra* é para a DXC *Man de diante* (que en castelán sería a *espaldilla*), e así algunhas outras incoherencias, como chamar "*corte ou redondo*" a unha peza que realmente recibe o nome de *corte redondo*. O resultado é bastante confuso, máxime cando o obxectivo deste folleto, expresado na súa portada, era supera-la situación na cal *o consumidor séntese desorientado, cando non defraudado, ó adquirir unha peza de carne, xa que descoñece o seu nome.* Afortunadamente, estes erros foron emendados nunha edición posterior: *Cadernos do Consumidor*, Dirección Xeral de Comercio e Consumo, Consellería de Industria e Comercio, 1994.

	Galego	Castelán	Portugués (Portugal) / (Brasil)	inglés	Francés	Alemán	Italiano
Extra	solombo; raxete; lagarto	solomillo	lombelo (P) / filé mignon (Br)	tenderloin	filet	Filet	filetto
	lombo	lomo	lombo (P) / contra filé (Br)				lomo / lombata / lonza
1ª A	lombo alto	lomo alto	ponta do acém, acem comprido (P) / acem (Br)	cube roll	entrecôte	Hochrippe	costata / costoletta/ braciola
		chuletero con hueso sin solomillo	vazia com osso sem lombo (P)	loins and ends, bone in, without tenderloin	carré avec os sans filet	Rücken mit Knochen ohne Filet	carré con osso senza filetto
		chuletero con hueso y solomillo	vazia com osso e lombo (P)	loins and ends, bone in, with tenderloin	carré avec os et filet	Rücken mit Knochen und Filet	carré con osso e filetto
		chuletero sin hueso	vazia sem osso (P)	loins and ends, boneless	carré désossé	Rücken ohne Knochen	carré senza osso
	redondo	redondo	ganso redondo (P) / lagarto (Br)	eye round	rond de gîte à la noix	Seemerrolle	girello
	croca, cuada	cadera	cheio da alcatra (P) / picanha (Br)	rump	rumsteck	Steakhüfte	scamone
		cadera + rabillo + tapilla	alcatra con ponta e folha	rump full cut	quasi avec aiguillette baronne et culotte	Hüfte mit Deckel und Spitze	scamone con fiancheto e copertura
	corte redondo	babilla	rabadilha (P) / patinho (Br)	thick flank	noix patissière	Kugel	noce
	folla branda, lonxa	tapa	pojadouro (P) / chã de dentro (Br)	topside	noix	Oberschale	fesa interna / scamone
	rabo da croca	tapilla de cadera	picanha (Br)				fesa esterna
	punta da croca	rabillo de cadera	ponta da alcatra	rump tail	aiguillette baronne	Hüftdeckel	coperchio
	folla dura	contra	chã de fora (P) / alcatra (Br)	silverside without eye-round and heel	sous-noix sans rond et nerveux	Unterschale ohne Seemerrolle und Kniekehlfleisch	sottofesa / noce
	febra miúda	culata de contra	nervo do ganso (P) / chã de dentro; coxão mole (Br)	heel	nerveux de gîte	Kniekehlfleisch	campanello
		contratapa [209]	cha de fora completa	silverside	sous-noix	Unterschale	sottofesa con girello e campanello
1ª B	man de diante	espaldilla	coberta da pá (P) / pá, palheta (Br)	blade	paleron	Schaufelstück	copertina di spalla
	tapa da paleta	llana	espelho da pá (P)				
	centro da man	maza centro de espaldilla	pá sem osso	shoulder clod boneless	epaule désossée	Shulter ohne Knochen	spalla disossata
	redondo da man	pez	cheio da pá; agulha (P)	chuck tender	boule de macreuse	Dickes Bugstück	fesone di spalla
	agulla	aguja	cachaço (P) / acém (Br)				
		aguja sin hueso	cachaço sem osso	chuck boneless	bas de carré sans os	Zungenstück ohne Knochen	sottospalla dissosata
		aguja y cuello con hueso	cachaço e pescoço com osso	chuck roll, bone in	bas de carré et collier avec os	Zungenstück und Nacken mit Knochen	sottospalla e collo con osso
	pescozo	cuello	pescoço (P) / acém (Br)	neck	collier	Nacken / Kamm	collo
		morrillo	cupim (Br)		basses côtes		
2ª	xarrete	jarrete sin hueso	chambão dianteiro (P)	foreshin	jarret avant	Vorderhesse	garretto anteriore
		morcillo con hueso	chambão traseiro com osso (P)	hindshank	jarret arrière avec os; gîte	Hinterhaxe	garretto posteriore con osso
	tes, carne do encontro	brazuelo	bico da pá (P)				sottospalla
	tapa do peito	aleta, tapa de pecho	maça do peito sem osso (P) / peito (Br)	breast boneless	poitrine désossée	Brust ohne Knochen	peto senza osso
3ª	faldra e costeleiro	falda y costillar falda con hueso	aba com osso; aba grossa / aba delgada (P) fralda (P) costela gaúcha (Br)	flank bone in	flanchet avec os	Bauchlappen mit Knochen	pancia con osso
	peito e costeleiro	pecho	maça de peito com osso / prego do peito e aba da costela (P) costela dianteira / ponta da agulha (Br)	breast bone in	poitrine avec os	Brust mit Knochen	petto con osso
		costilla de pecho	costela do peito	breast rib	côtes de poitrine	Spannrippe / Brustrippen	cotoletta di petto
	rabo	rabo	rabo	tail	queue	Kuhschwanz	coda

[209] Peza formada polo *redondo*, *contra* e *culata de contra*.

6.3.2. A carne en xeral

A definición legal de carne especifica que é a *parte muscular comestible dos animais de abasto, sacrificados e preparadas en condicións hixiénicas*. Evidentemente non contempla só o tecido muscular senón que tamén se inclúe neste concepto *as porcións de graxa, óso, cartilaxe, pel, tendóns, aponeuroses, nervios e vasos linfáticos e sanguíneos que normalmente acompañan o tecido muscular e que non se separan deste nos procesos de manipulación, preparación e transformación da carne*. O feito de basearse no *tecido muscular* como compoñente esencial e propio, exclúe do concepto de *carne* as vísceras e despoxos comestibles, que veremos máis en diante (epígrafe 6.4.).

Constitúe un alimento completo, destacando o seu elevado contido proteico, de alto valor biolóxico [210], e resulta aconsellable para unha dieta sa e equilibrada, asociándose tradicionalmente o consumo de carne ó grao de desenvolvemento da sociedade. Proporcionalmente pobre en ácidos graxos saturados, a carne de vacún non presenta os inconvenientes atribuídos ás carnes en relación coas enfermidades cardiovasculares e, desde o punto de vista nutritivo, o único risco certo asociado ó consumo de carne radica máis nun desequilibrio da dieta por un consumo excesivo de carne en detrimento de alimentos vexetais, ricos en fibra.

Para explica-lo valor nutritivo da carne cómpre insistir na alta dixestibilidade da súa proteína e no valor biolóxico desta (xa que achega aminoácidos esenciais, coa única limitación da metionina). Cun 20% de proteínas, unha ración de 100 gramos de carne cobre case a metade das necesidades diarias neste principio nutritivo.

Tamén é rica en vitaminas do grupo B, así como en calcio, fósforo e ferro.

Valores calculados para 100 gramos de carne de porción comestible				
	Ternera Gallega (1)	Consumer (2)	Vivanco (3)	Vivanco (4)
Calorías, Kcal		131	200	156
Proteínas, g	20,5	20,7	20	19,5
Graxa, g		5,4	13	8
AGS, g [211]		2,22		
AGM, g		2,51		
AGP, g		0,20		
Colesterol, mg		59,0		
Vitamina A, UI			30	20
B1 tiamina, mg	0,12	0,06	0,07	0,14
B2 rivoflaminas	0,20	0,22	0,17	0,25
B3 niacina	6,80	8,1	34,0	6,3
B5 ác.pantoténico	1,00			
B6	0,60			
B12, mcg	2,20	2,0		
Sodio, mg		61,0		
Calcio, mg	12,00		11	11
Fósforo, mg	210,00			
Ferro, mg	2,90	2,1	2,5	2,4
Magnesio, mg	25,00			
Zinc, mg		3,8		

Fonte 1: Ternera Gallega: http://www.terneragallega.com/caracteristicas.asp?idioma=1%20%20&sec=7,4 [12/06/2007].
2: Consumer: http://www.consumer.es/web/es/nutricion/aprender_a_comer_bien/guia_alimentos/carnes_ huevos_y_derivados/2002/08/06/50279.php. [2.02.2007].
3: Vivanco:392. Valores para carne magra de vaca.
4: Vivanco:392. Valores para carne magra de becerra.

[210] Enténdese por valor biolóxico dunha proteína a porcentaxe dela que é realmente absorbida e metabolizada polo consumidor. Tómase como valor de referencia 100 a proteína da albúmina de ovo aínda que, na realidade, tampouco alcanza unha eficacia do 100%. No caso da carne, o valor biolóxico depende da dixestibilidade (e esta da cantidade de tecidos non dixeribles), da peza muscular estudada e da idade do animal. A composición relativamente deficitaria da carne no aminoácido metionina e, non tanto, en triptófano é o que prexudica o valor biolóxico da proteína da carne, que oscila entre 66 e 80.

[211] AGS: ácidos graxos saturados; AGM: ácidos graxos monoinsaturados; AGP: ácidos graxos poliinsaturados.

Na composición nutritiva da carne inflúen diversos factores. Intervén decisivamente a actividade que desenvolva cada grupo de músculos: a maior actividade, maior proporción de auga e, por conseguinte, menor concentración de nutrientes por unidade de peso. Tamén a idade do animal é determinante: a carne dos animais máis novos contén máis auga e está menos infiltrada de graxa. Canto ó sexo, as femias tenden a presentar unha maior proporción de graxa subcutánea.

Xa dixemos en 6.3.1.1. que, en Galicia, a carne que se consome hoxe habitualmente é a carne de tenreira. A cor varía entre branca-rosada, nos animais máis novos, ata o vermella suave, nos animais xa próximos ó ano de idade. Presenta consistencia firme, aspecto húmido e brillante, zumarenta, saborosa e textura suave, con pouca graxa que tamén é branca e homoxeneamente distribuída.

A carne fresca debe conservarse sempre en refrixeración, a temperaturas comprendidas entre 1 e 4ºC [212]. Debe respectarse un período de maduración de varios días para que a carne desenvolva a tenreza propia [213]. Aconséllase non retira-la graxa, aponeuroses etc. ata o momento da preparación xa que así se conservará mellor e se evitará a deshidratación superficial, mantendo mellor os zumes. Igualmente, os filetes deben cortarse en sentido perpendicular á dirección das fibras musculares para asegurar unha maior tenrura.

Xa adiantamos que o consumo de carne se ve influenciado por aspectos socioeconómicos: a presenza da carne na bolsa da compra, mairomente se se trata de carne de vacún, é un símbolo externo de riqueza, un factor indicativo dun certo nivel social e económico; e o concepto de sociedade desenvolvida asóciase a alto consumo de carne. Esta liña sofre actualmente un descenso progresivo atribuído ós novos hábitos alimenticios que comezan a reduci-lo consumo de carnes vermellas (por supostas razóns médicas) e aumenta-lo de froitas, verduras e derivados lácteos.

Os parámetros que determinan a calidade da carne son diversos. Temos, por un lado, a cor, que se debe á presenza de certos pigmentos musculares, nomeadamente a mioglobina (responsable do 90% da tonalidade propia da carne), que dá un tono vermello escuro; a oximioglobina, que dá un tono vermello brillante; e a metamioglobina, que dá unha cor parda. A presenza e proporcións destes pigmentos dependen da idade do animal (a escaseza de mioglobina nos animais novos explica a cor branca rosada da súa carne) e dependen tamén da raza, do sexo, do estado de nutrición e do manexo e tipo de alimentación recibida. En morrendo o animal, distintas reaccións químicas empezan a modifica-las proporcións ó converteren uns pigmentos noutros; na rapidez e profundidade destes cambios bioquímicos inflúe decisivamente a temperatura de conservación da carne.

A tenrura da carne, medida como grao de dureza, vai depender da estrutura histolóxica dos feixes musculares e da presenza de graxa infiltrada e tecido conxuntivo. Os animais novos presentan un gran fino e a súa carne resulta facilmente penetrable, mastigable e case non deixa residuos na mastigación; a carne dos animais adultos presenta un gran basto con características opostas ás anteriores.

O sabor e olor da carne son tamén factores de calidade pero de difícil obxectivación (han de ser avaliados nun panel de catadores profesionais). Débense á presenza de certos compoñentes químicos do tipo das bases nitroxenadas e ácidos graxos volátiles.

6.3.2.1. A carne

Neste primeiro apartado recollémo-lo vocabulario xeral referido á carne propiamente dita e ás diferentes denominacións segundo a orixe e tratamentos ós que sexa sometida. Con todo iso, cómpre insistir en que o concepto legal de *carne* inclúe tamén as vísceras e despoxos comestibles, e tamén o sangue [214].

5357 **carne** *s.f.* Tecido muscular dos animais de abasto e que se emprega na alimentación humana. (Común).

5358 **chicha** *s.f.* Carne. ERG amplía a explicación e di que é voz infantil para designa-la carne de vitela cocida. *Posta a tallada encima do pan, fórona comendo; bocadiño de pan e bocadiño de chicha, como era de boa crianza* (GB2:78). (Com1, ERG, GB2, Grixó, Gud5, Vil.).

5359 **chicho** *s.m.* Tallada de carne. (Incio).

[212] A lexislación vixente establece para a carne fresca de vacún, porcino, ovino etc. unha temperatura de conservación igual ou inferior a 7ºC; para a carne de aves ou caza, 4ºC ou menos; para as vísceras comestibles, 3ºC ou menos; e para carnes picadas, 2ºC ou menos (Real Decreto 1376/2003 polo que se establecen as condicións sanitarias de produción, almacenamento e conservación das carnes frescas e os seus derivados nos establecementos de comercio polo miúdo).

[213] Este período de maduración esixe unha conservación en refrixeración ás temperaturas indicadas antes e sen oscilacións significativas para evita-lo crecemento bacteriano. O proceso, tamén chamado *abrandamento da carne*, baséase na acción duns enzimas denominados catepsinas, que comezan a degradación da proteína do músculo.

[214] O Regulamento (CE) nº 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal (DOUE L 139, de 30.04.2004) define como carne *as partes comestibles dos ungulados domésticos, aves de curral, lagomorfos e animais procedentes da caza*.

5360 **febra** *s.f.* Parte magra da carne, eliminando a graxa. (Com1, Feás-A, Oirós, Ver1).

5361 **ferba** *s.f.* Ver FEBRA /5360. (Ped1).

5362 **freba** *s.f.* Ver FEBRA /5360. (Burón, Cab., Ced., Com1, Cre., Cur., Fri., Gro1, Gud5, Gui., Gun., Incio, Laxe, Marín, Mel1, Mez., Mon., Mra., Nove., Oirós, Pantón, Per., Ram., Razo, SComba, Sob., Suarna, Vala., Vil., Xun.).

5363 **sixa** *s.f.* Ver CHICHA /5358. (Gud.).

5364 **tenreira 2** *s.f.* Carne de becerra. (ERG).

5365 **vaca 2** *s.f.* Carne de vaca ou de boi. (ERG).

5366 **vitela 2** *s.f.* Carne de becerra. ... *e veu o gato e levoume, pensando que era vitela* (LimiaB:100). *E n-un santiamen desaparecen d'a mesa os bademecos, aparecen duas fontes de bitela, poyas de pantrigo e xarras de viño* (An15b:5). *Pois o que nós precisamos é comer pan e vitela, facerlle a contra ô Goberno...* (An16:6). (An15b, An16, Com1, Lim6, LimiaB, VLQ2, XER, Xun2).

5367 **xixa** *s.f.* Ver CHICHA /5358. (Gud5, Mez., VGR).

5368 **carne de branco** *s.comp.f.* Carne de vacún en xeral, en oposición á de porco. Aplícase maiormente á carne de becerra. (Lim6).

5369 **carne de *blanco** *s.comp.f.* Ver CARNE DE BRANCO /5368. En realidade supoñemos que aquí (Xun2) *carne de blanco* debe referirse ós becerros criados a leite nada máis, que incluso estiveron envetillados para que non comesen herba, xa que esa é unha definición de *branco* que recolle tamén en terras de Ourense Xaquín Lorenzo. De feito, por Ourense chaman así á carne de vitela. Cabe a posibilidade de que esta denominación se deba máis cá propia cor desta carne, ó feito de que a vitela se merca ordinariamente ós carniceiros (tamén chamados *brancos*), mentres que para a carne de porco a familia galega autoabastécese coa mata domiciliaria. (Xun2).

5370 **carne fresca** *s.comp.f.* Carne procedente do animal sacrificado e posta á venda, sen ningún tratamento de conservación agás a propia refrixeración. (Común).

5371 **carne goldreada** *s.comp.f.* Carne que se vende libre de desperdicios e despoxos. (ERG).

5372 **carne quente** *s.comp.f.* Carne procedente dun animal acabado de matar e antes de sometela ó aireo necesario. (ERG).

5373 **carne roxa** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Carne procedente dos animais mamíferos (e aves de caza), en contraposición á carne branca das aves de curral. (ERG).

5374 **carne *blanca** *s.comp.f.* Ver CARNE DE BRANCO /5368. Debemos indicar que, falando de carnes, adoita utilizarse esta expresión, *carnes blancas/brancas* para designa-la carne procedente das aves de curral, fronte ás *carnes vermellas* que designan a procedente dos mamíferos de abasto (vacún, porco, ovino). Pero o noso informante especifica neste caso que se trata de "carne de tenreira". (Gud5).

5375 **carne *blanda** *s.comp.f.* Carne de becerra. (Gud.).

5376 **avitelada** *adx.* [Carne] que non ten óso, nin graxa nin aponeuroses e que é toda magra ou vitela. (ERG).

5377 **moliqueira** *adx.* [Carne] branda procedente de becerros que non comen penso. A sufixación parece implicar un matiz despectivo. *O becerro que non come penso, ten a 'carne moliqueira' (mol) e pesa menos* (Parade.:276). A cría intensiva dos becerros en cortes sen luz e en espazos intencionadamente reducidos para que non poidan facer ningún tipo de exercicio pretende conseguir que a carne sexa máis pálida, por ter menos hemoglobina, e máis branda. O consumidor coida mercar así carne de becerro noviño e, en realidade, está mercando unha carne malformada e pouco nutritiva. Esta é unha mala práctica porque fai sufri-lo animal, provocándolle numerosas diarreas, e acaba levando ó mercado un produto que ten un aspecto que se sabe que agrada ó consumidor pouco informado. Felizmente a denominación de *Ternera Gallega* preocúpase de controlar que os becerros saian ó pasto, reciban unha alimentación completa e que se sacrifiquen a idades maiores para que a carne estea máis feita. En consecuencia, esta carne é máis vermella e menos branda, pero máis nutritiva. (Parade.).

5378 **tenreira 5** *adx.* [Carne] de becerra, estimada como a de mellor calidade. (VLLM).

A falta de carne, bo é o pan. (ERG:carne)
A falta de carne, bos son polos e touciño. (ERG:carne)
A falta de vaca, bos son os polos con touciño. (XAB1:34)
A falta de vaca, bos son polos con touciño. (ERG:vaca; Camb1:47; Castre.)

Miña nai pariume ó lume
por baixo dunha tixela
e veu o gato e levoume
pensando que era vitela. [215]

[215] LimiaB:100, VLQ2:371. No texto: *de unha* (LimiaB); *paréu o lume* (sic)*, de unha, levóume* (VLQ2).

6.3.2.2. A carne no argot

5379 **araguía** *s.f.* Carne. Na xerga "La Pantoja", dos canteiros de Trasmiera. (Morei).
5380 **areona 2** *s.f.* Carne. No verbo dos cesteiros de Mondariz. (Mond1).
5381 **arguía** *s.f.* Carne. No barallete. Do vasco *aragui*: carne. (Morei., XCC).
5382 **ghreda** *s.f.* Carne. Na verba dos arxinas. Carme Hermida escribe *hreda*. Nesta grafía o hache inicial pretende representa-lo gue con gheada. Costa Clavell (XCC) corrixe a *greda*. (CHG).
5383 **sirgha** *s.f.* Carne. Na lingua dos telleiros. (ALE).
5384 **sirigha** *s.f.* Carne. No verbo daordes. A nosa fonte escribe *sirija*. (XCC).
5385 **zaca** *s.f.* Carne. No latín dos chafoutas. (XCC).
5386 **arguía de liria** *s.comp.f.* Carne de vaca. No barallete, *arguía* é carne e *liria* significa vaca. De modo similar, *arguía de bicudo* designa a carne de porco (Morei). (Morei., XCC).

6.3.2.3. Aponeuroses

A carne está constituída fundamentalmente por tecido muscular, pero tamén leva outras estruturas. Cada músculo forma unha unidade diferenciada constituída por agrupacións de fibras musculares unidas entre elas polo tecido conxuntivo e formando sucesivamente os chamados paquetes primarios, secundarios e terciarios, rodeados todos eles de vaíñas do mesmo tecido conxuntivo. A unión destes paquetes forma o músculo, como órgano básico do sistema muscular, de formas e tamaños moi diversos segundo a súa situación e a súa función.

Rodeando cada músculo existe unha última capa de tecido conxuntivo que une uns cos outros mantendo á vez a súa independencia funcional. Tamén existen no interior de moitos músculos cintas tendinosas que contribúen á aplicación das forzas de contracción noutros músculos ou na superficie dos ósos. Todos estes tecidos de unión son as chamadas aponeuroses [216], e popularmente *nervios*, *teazas*, *peles* etc. Segundo o músculo ou grupo muscular que se considere poden ser máis ou menos fortes e a importancia destas estruturas, desde o punto de vista da carne como alimento, radica en que a súa dureza dificulta a mastigación da carne e, en consecuencia, determina a apreciación dese grupo muscular para o consumidor. Así mesmo, a abundancia e fortaleza destas estruturas diminúe a dixestibilidade da carne.

Naturalmente, nada teñen que ver cos verdadeiros nervios, compoñentes do sistema nervioso, que tamén están presentes na carne pero que resultan inapreciables.

5387 **cordova** *s.f.* Tendón e aponeurose da carne, que abunda máis nas pezas de menor categoría. Cfr. *cordova* na epígrafe 5.7.1. *Anatomía: os tendóns*. (Ver1).
5388 **goldracha** *s.f.* Desperdicios da carne, que non ten máis que aponeuroses e tendóns. (ERG).
5389 **nervio 1** *s.m. pop.* Parte dura da carne, resistente á mastigación, que corresponde a aponeuroses, tendóns, fascias e similares. (Común).
5390 **pel 2** *s.f.* Aponeurose da carne que, cociñada, resulta branda. (Gro10).
5391 **pelexo 5** *s.m.* Aponeurose da carne que, cociñada, resulta máis dura e correosa. *A pel é branda pero os pelexos son duros: non se dan moído*. (Gro10).
5392 **pelgacha** *s.f.* Ver GOLDRACHA /5388. (ERG).
5393 **tenilla** *s.f.* Aponeurose da carne. (Ameixe).
5394 **tez 3** *s.f.* Formacións de tecido conxuntivo que rodean a carne e os paquetes musculares. (Piquín).

6.3.2.4. Presentacións da carne

A carne, xa considerada como alimento, preséntase á venda nos expositores das cortadorías de diferentes formas, ben como pezas ou cortes de carne máis ou menos voluminosas, como veremos nos apartados seguintes, ben como consecuencia das operacións de tallar, filetear ou picar, en porcións individuais ou de ración, resultantes de cortar esas pezas en bistés, dados ou anacos de diferentes tamaños.

5395 **bisté** *s.m.* Rebanda fina de carne de vaca para asar ou fritir. Procede do inglés *beefsteak*, que deu o castelán *bistec* ou o portugués *bife*. (Com1, Incio, Mon).

[216] Outras estruturas semellantes son as *fascias*, capas de tecido conxuntivo que cobren e unen estruturas corporais próximas (vísceras entre si ou músculos con vísceras).

5396 **costela 2** *s.f.* Carne que vai pegada á costela, tamén chamada *costeleta*. Constantino García (CGG2: *Cousas da carne*, 763) parece preferir esta forma sobre *costeleta*, á que califica de galicismo copiado a través do portugués, e que en castelán deu *costilleta*, e recolle de Álvaro Cunqueiro estes exemplos de uso: *A costela que se ha de xantar salpresa, ...tamén se adoba a costela, ...a costela, coma o raxo, cómese asada*. (CGG2, Ctel1).

5397 **costeleta** *s.f.* Bisté de becerra cortado do lombo e unido á parte de costela correspondente. (ERG).

5398 **filete** *s.m.* Ver BISTÉ /5395. Sorprende que noutras linguas o filete se relacione exclusivamente co solombo, cando en galego filete parece ser simplemente un corte fino de calquera peza e nas cortadorías vemos pedir filetes doutras pezas. No seu lugar verémo-la fórmula de menosprezo *¡aínda non aprendeches a facer filetes do rabo!* (Car., Gro5, Pont.).

5399 **posta 1** *s.f.* Peza de carne, anaco de carne disposto para comer. Aplícase tamén ó peixe. En Cea equivale á ración que corresponde a unha persoa e pode consistir en varias talladas (ou porcións). Para Valladares é unha ración de carne; para Franco Grande e Carré é só de peixe; para ERG pode ser de carne ou de peixe. Constantino García (CGG2: *Máis cousas da carne*, 764) recolle os seguintes exemplos de uso: *...melindres, postas de vacas* (Otero Pedrayo), *No seu figón cómense unhas postas de carne excelente* (C.E. Ferreiro), *...cunha boa posta de carne... Hai unhas postas de carne arrichada* (Blanco Amor). En Cea e no Carballiño *posta* é a ración persoal de carne, cantidade de carne que se corta para unha persoa e que despois este pode cortar en talladas: *Prá carne ó caldeiro algúns estiman moito a posta do ollo*, *Dáme catro postas, carniceiro* (Cea3). (Cea3, CGG2, ERG, MVN).

5400 **tallada 1** *s.f.* Rebanda de carne para comela con pan. *O estógamo do tío Miseria foi consecoente cas verzas toda a vida e gardoulles fidelidade astra a súa morte. ¡Talladas... nin velas! ¡Nunca quixo trato coas talladas!* (ELP2). *Posta a tallada encima do pan, fórona comendo; bocadiño de pan e bocadiño de chicha, como era de boa crianza* (GB2:78). (Común).

5401 **vitallo** *s.m.* Pequena tallada de carne xa lista para comer. (LCA2, LimiaB, Lobe2).

5402 ***costilleta** *s.f.* Ver COSTELETA /5397. (ERG).

5403 ***chuleta** *s.f.* Ver COSTELETA /5397. Segundo o DRAE procede do valenciano *xulleta*, dim. de *xulla*, costela. *As mulleres piden unha chuleta á plancha* (Cunqueiro) (CGG2: *Cousas da carne*, 762). (CGG2, Gro3).

5404 **posta do ollo** *s.comp.f.* Posta de carne da zona das pálpebras, moi apreciada na carne ó caldeiro. (Cambeo, Cea3).

5405 **tallada de carne** *s.comp.f.* Ver TALLADA 1 /5400. (TCha).

6.3.2.5. Os despoxos

Durante a formación da canal eliminánronse determinadas partes e órganos, comestibles ou non, que non se comprenden baixo o término canal. Falamos da pel, cornos, rabo, pezuños, ubres, graxa, cabeza, recortes, etc. Durante as operacións de despezamento da canal, ademais de obte-las pezas de carne para o consumo, tamén hai que retirar diferentes estruturas non aproveitables para o consumo directo, que dan lugar a ese grupo de materiais diversos que se definen como despoxos [217]. Trátase dos ósos (que se retiran na maioría dos cortes), acúmulos de graxa, recortes etc., todo elo partes comestibles en definitiva pero de ningún, ou case ningún, valor económico.

Fagamos constar que baixo o nome de *despoxos* agrúpanse tanto aquelas partes non comestibles coma as que máis adiante describiremos como vísceras comestibles.

5406 **carniza** *s.f.* Despoxos da carne, parte da canal non comestible (tecido conxuntivo, graxas, tendóns, etc). (ERG).

5407 **gordeza** *s.f.* O noso informante define como "extremidades e intestinos de los animales". Probablemente se refira ós despoxos: vísceras, patas, orellas. (ERG).

[217] Formalmente, o termo *despoxos* inclúe as vísceras, comestibles ou non, pero adoita utilizarse para designar estas partes que non son destinadas ó consumo humano directo.

6.3.3. O solombo

Trátase da peza de carne de máxima calidade e a máis tenra, a única dentro da categoría Extra ou especial. É un músculo longo e delgado, practicamente libre de graxa intramuscular, situado na rexión lumbar dos animais, por baixo das vértebras desta zona. Poden distinguirse tres partes: unha máis ancha, posterior, chamada *cabeza* ou *orella*, e que por veces –nos becerros máis pequenos- pode quedar unida á carne da tapa; o *corazón*, *corpo* ou *centro*, central; e unha parte máis delgada, *punta do solombo*, anterior, que adoita ir co lombo nas chamadas *costeletas de solombo*. É esa parte central ou *corazón do solombo* o que normalmente se expende como peza independente. Dada a alta calidade desta peza é especialmente indicada para preparar á prancha ou fritida, ou mesmo en cru, salpementada (*carpaccio*).

Habitualmente, o único solombo que se separa e se vende independentemente procede do gando vacún, mentres que no porco se corta coas costeletas.

Á hora da súa elaboración culinaria interesa coñece-las tres presentacións que se fan desta peza en restauración de alto nivel [218]: o *tournedó* é un filete groso, de 150-200 gramos, que se corta do centro do solombo e se cociña á prancha, á grella ou fritido; o *chateubriand* é aínda maior, de 300-400 gramos ou máis, que se corta da cabeza do solombo; finalmente, os *filet mignon* ou medallóns son pequenos filetes delgados, de 50-75 gramos, que se cortan da punta do solombo.

Como xa dixemos, o nome castelán de *solomillo* está imposto maioritariamente no uso, tanto entre clientes como entre carniceiros, fenómeno que non podemos calificar de actual. Xan da Cuada escribía *n'O Tío Marcos d'a Portela* o seguinte en 1919 [219]:

> *Sr. Director d'o Tío Marcos d'a Portela. Meu distinguido señor: Sin mais titolos que os de partidario d'un bo solomillo y-amigo de comelo pol-o seu xusto precio, diríxome a vostede pra espor catro cousas que me viñeron á chola c'o gallo d'o que co'a carne pasa en Ourense.*



Solombo.

5408 **lagarto 4** *s.m.* Solombo. En plural recólleo Arc1. (Arc1, Ctel12, PAre., Ver2).

5409 **lombelo** *s.m.* Peza muscular situada baixo a rexión lumbar da columna vertebral. (Ctel1, Piquín).

5410 **paxarela 3** *s.f.* ERG di que nalgunhas comarcas danlle ó raxo -*solomillo*- este nome, que ordinariamente se reserva para o bazo. (ERG).

5411 **raxete** *s.m.* Solombo. A denominación nace de que o solombo ou *raxete* é máis pequeno có lombo ou *raxo*. (Com8).

[218] www.consumer.es/web/es/alimentacion/en_la_cocina/trucos_y_secretos/2005/05/12/141924.php.
[219] XC:4.

5412 **raxo 2** *s.m.* As nosas fontes defíneno como "solombo". (ERG, FMS, MLP).

5413 **solombo** *s.m.* Peza muscular moi apreciada na cociña, situada baixo a rexión lumbar da columna vertebral. (Ced., Neves, Sob., Suarna, Vgar.).


5414 **tira do lombo** *s.comp.f.* Solombo. En Gro3 *tira do lombo* aplícase só á do porco. (Cab.).

6.3.3.1. O cordón

Pegado ó solombo vai un músculo accesorio, cilíndrico, chamado *psoas minor*, que nos animais maiores destaca a modo dun *cordón* ó longo do solombo, ó que deprecia. Por iso adoita separarse no momento de presentalo á venda.

5415 **cordón** *s.m.* Músculo de estrutura cilíndrica e alongado que percorre lonxitudinalmente o solombo. (Gro10, Sxenxo).

6.3.4. O lombo



Vista inferior do lombo alto (á esquerda) e do lombo baixo (á dereita), co solombo adherido (Asogacarne: *Manual de la carne*).

Dentro das pezas da Categoría primeira A empezaremos co lombo, peza tenra e tamén moi apreciada, de forma máis ou menos cilíndrica, longa e uniforme, e situada no animal na parte superior do espiñazo, a todo ó longo e a ámbolos lados das apófises espiñosas da columna vertebral, chegando desde a cadeira por detrás (a nivel da 6ª vértebra lumbar) ata a agulla por diante, á altura da 5ª-6ª vértebra dorsal (por veces, as primeiras costeletas do lombo non son outra cousa que a parte final da agulla) ou, como xa vimos no corte establecido por *Ternera Gallega*, ata a 5ª vértebra dorsal, inclusive. Nas cortadorías pode separarse da columna vertebral e venderse sen óso, co nome de *tira do lombo*, completo ou en filetes, pero tamén podemos atopalo coa parte de vértebra e costela correspondente, corte que denominamos *lombo enteiro* e que corresponde ó castelán *chuletero* ou, en termos de alta cociña, co nome francés de *carré*.

Pódense distinguir dúas partes, comercializadas baixo os nomes de *lombo alto*, a procedente da parte anterior, das primeiras costelas, na rexión dorsal, que dá as *costeletas de pau* e co que se elabora o afamado *roast beef* [220]; e *lombo baixo*, da parte posterior, na rexión lumbar, correspondente ás últimas costelas dorsais e rexión lumbar, do que se cortan as *costeletas de solombo* e co que se fai o *entrecot* [221].

Ctel12 di que en Ponte Caldelas e na Lama non se separan e que venden o lombo xunto, como unha única peza. Supoñemos que, sacrificando animais novos, como alí é habitual, a diferenza entre o *lombo alto* e o *lombo baixo* é irrelevante comercialmente.

Actualmente estanse impoñendo unhas normas internacionais (adoptadas tamén no despezamento de *Ternera Gallega*) que fan o *corte a 8 paus*: a división segue o espazo comprendido entre as costelas (ou *paus*)

[220] O *roast beef* é realmente unha peza completa, de 2 kg como mínimo, obtida do lombo alto e limpa de óso e graxa, da que se cortan filetes duns 250 gramos que se preparan ó forno. Se nesta peza se quitan unicamente as vértebras, deixando as costelas, obtense o *carré*, do que se cortan racións de 300 gramos.

[221] O *entrecot,* palabra que parece francesa pero que só imita a pronunciación do francés *entrecôte* ("entrecosto"), é un filete groso cortado do lombo baixo, desosado e, normalmente, coa graxa que o acompaña. Prepárase á prancha ou á grella en racións de 150 gramos ou máis. Outra presentación con nome propio é o *Villagodio*, tamén a base dun filete groso –dun peso medio de un quilogramo- pero sen desosar.

12ª e 13ª, o que dá lugar a unha peza formada polas primeiras 8 costelas (costelas 5ª a 12ª), xa estandarizada e que se comercializa como *lombo alto* (por veces como *lombo oito costelas* e en castelán *lomo / chuletero 8 costillas*); e outra peza formada pola 13ª costela e as vértebras lumbares: *lombo baixo*. Se ó primeiro tamén se lle eliminan os corpos vertebrais, pero mantendo os segmentos das costelas, obtense o chamado *lombo alto oito costelas*; e, se tamén se lle sacan estas, obtense o *lombo alto en entrecot*. Nos dous casos retírase tamén a capa muscular máis externa e a graxa de cobertura, que se expende por separado como *tapa do lombo* (en cast. *tapa de chuleta*).

O lombo baixo, unha vez separado o solombo, tamén pode comercializarse enteiro, parcialmente desosado ou totalmente desosado, neste último caso co nome de *lombo baixo en entrecot*.

Puidemos comprobar que existe certa confusión entre lombo alto e lombo baixo xa que houbo algún informante (Sxenxo.) que localizaba erroneamente o primeiro sobre o solombo e o segundo pegado á agulla.

As costeletas reciben diferentes denominacións e apreciación segundo a zona do lombo da que se cortan: *costeletas de agulla* ou *de cabezada* (da zona das primeiras vértebras dorsais), *costeletas de pau*, chamadas así por leva-la parte de costela correspondente (da zona comprendida entre a 5ª e a 13ª vértebra), ou *de lombo*; e *costeletas de solombo* ou da *rileira* (en cast. *de riñonada*), as máis apreciadas por levaren unha tallada de solombo (da zona lumbar).

Co nome castelán de *chuletón* desígnanse cada unha das toradas cortadas do lombo alto de boi, con pesos entre 800 e 1.200 gramos. É un deses pratos típicos que, vindo de fóra, conservan a denominación orixinal como *ossobuco, carpaccio, chateubriand, roast beef,* do mesmo xeito que linguas diferentes da galega importaron na súa cociña denominacións galegas como *vieira, santiaguiño* ou *queimada*.

5416 **lombo 2** *s.m.* Peza muscular, tamén chamada *raxo*, encaixada entre as apófises espiñosas e transversas das vértebras dorsais. (Común).

5417 **raxo 1** *s.m.* Ver LOMBO 2 /5416. Incluímolo aquí porque ERG non especifica que só se aplique ó lombo do porco, aínda que probablemente case todo o mundo o empregue con ese valor. ERG define *raxo* como "lomo de cerdo que está adobado.// Solomillo, parte carnosa del lomo de ciertos animales", e *lombo* como "carne del cerdo, que en gallego se llama *raxo*". No *Glosario de voces galegas de hoxe* aplícase exclusivamente ó "lomo de cerdo", en 27 localizacións. Sen haber realmente ningunha razón para non poder aplica-la voz *raxo* ó lombo do gando vacún, cremos que esta fixación das nosas fontes no porco obedece a que esta é a aplicación máis coñecida (en fresco, salgado ou en embutido). (ERG).

5418 **lombo alto** *s.comp.m.* Peza de cortadoría formada pola parte anterior do lombo, cortado dende a duodécima costela. (Común).

5419 **lombo baixo** *s.comp.m.* Peza de cortadoría formada pola parte posterior do lombo. Ver LOMBO ALTO /5418. (Común).

5420 **tapa do lombo** *s.comp.f.* Peza de cortadoría formada polos músculos superficiais e planos que cobren a peza chamada *lombo*. Corresponde ó castelán *tapa de chuleta*. (Gro5).

Na cortadoría non hai carne que non se venda: us piden lombo, outros agulla e outros perna. (ERG:cortadoría)

6.3.5. O redondo

O resto das pezas de primeira A proceden da parte da coxa, rexión do corpo dos animais de abasto correspondente á parte superior das extremidades posteriores, desde os xeonllos ata a unión co espiñazo por medio do óso coxal. É a parte que proporciona maior cantidade e calidade de carne, e no despezamento que se fai na cortadoría produce, no caso do vacún, un total de cinco pezas que se expenden –coas variacións que xa comentamos antes- con cadanseu nome específico: *croca*, *redondo*, *corte redondo*, *folla dura* e *folla branda*.

O redondo procede da parte posterior da coxa, sobre a cara caudal do fémur, e denomínase así pola súa forma máis ou menos cilíndrica. Tamén se coñece co nome de *blanquita*, por ter unha cor máis clara cá carne da coxa que a rodea. Non sempre se separa como corte independente senón que, por veces, vai formando parte da folla dura.

É carne lixeiramente dura e seca, e utilízase para mechados ou asados.

5421 **muchacho** *s.m.* Ver REDONDO /5422. Ram. defíneo como peza que está entre o redondo e a folla fura. Como entre o redondo e a folla dura non hai nada (son dúas pezas contiguas), pensamos que se refire realmente ó redondo, peza á que tamén lle dan o nome de *muchacho* en Colombia, Venezuela e, segundo Ortoño2, en Arxentina. Adóitase dicir que esta palabra procede do español antigo *mochacho*, lat. *mutilu*, co significado de "mozo" pero o certo

é que esta palabra aparece tarde no castelán. Pero se reparamos en que o *muchacho* e tamén nalgúns países americanos designa un músculo menor cós músculos contiguos da cara externa da coxa, se cadra podiamos pensar en que esta forma proceda dunha hipotética ***musculaculu*** (diminutivo de *musculu*), é dicir, un músculo menor. Se isto for certo, a orixe desa palabra internacional estaría no galego, aínda que con cambios semánticos. Corominas di que esta palabra é serodia en castelán (probablemente aparece no séc. XV) e que desta lingua chegou ó galego pero non explica a presenza en galego (e tamén en Venezuela e Colombia) por vía popular co valor etimolóxico de músculo. (Ortoño2, Ram.).

5422 **redondo** *s.m.* Peza de cortadoría situada na parte posterior da coxa e constituída polo músculo semitendinoso. (Común).

5423 ***blanquiña** *s.f.* Ver *BLANQUITA /5424. (TerGal).

5424 ***blanquita** *s.f.* Ver REDONDO /5422. (Gro3, Melón, Pont., Porr., Ram.).

5425 **redondo da perna** *s.comp.m.* Ver REDONDO /5422. (Ctel12).

5426 **anaquiño de contra o rabo** *loc. s. Ú. t. c. fórm.* Redondo. Tamén se usa como fórmula para eloxia-la beleza dunha muller adulta: este piropo botoullo un marido de sesenta e tantos anos á súa muller, do mesmo tempo, utilizando o *redondo* como referencia de carne óptima. (Mora8).

6.3.6. A croca

Trátase dunha peza procedente da parte superior da coxa, onda os cadrís, enchendo a cara superior do óso coxal. Ó estar formada por varios músculos –os glúteos- integrados nunha masa común, adoita presentar fascias e aponeuroses, chamadas *teazas* ou, impropiamente, *nervios*, entre a carne, pero sempre son pouco apreciables e non evitan que esta peza sexa considerada unha das carnes máis brandas e zumarentas, adecuada para ser cociñada á prancha. Utilízase preferentemente para facer filetes.

A peza está formada polos grandes músculos glúteos (medio e profundo). Algúns autores inclúen tamén o glúteo superficial, pero parece ser común separar este músculo e vendelo acompañando á folla dura, como veremos máis adiante.

Así, o glúteo superficial, pouco desenvolvido na vaca, fúndese co bíceps femoral para dar lugar a un grupo muscular denominado gluteobíceps. A porción proximal deste músculo iría coa croca e a porción distal formaría parte da folla dura. En Ourense chámanlle *cuada* pero alí esa peza leva unida a punta da folla dura.

5427 **cadeira 2** *s.f.* Ver CROCA 3 /5428. (Gro9).

5428 **croca 3** *s.f.* Peza de cortadoría formada polos músculos coxais superiores: glúteo superficial, medio e profundo. MVN lematiza *croca, carne de*. Valladares, que escribe *còroca*, defíneo como "carne de las ancas del buey, ó vaca, en la parte que cae á los lados del espinazo, cerca de la cola, carne que, dicen, ser la mejor para el puchero". (Com1, Com2, Ferr., Gro1, Gro3, MVN, Pont., Vgar., XER).

5429 **cuada 2** *s.f.* Ver CROCA 3 /5428. (Ourense3).

5430 **rabada 3** *s.f.* Peza muscular da cadeira. No Rio de Janeiro, en cambio, a rabada é mesmamente a carne do rabo (LOliveira). (Neves, Salv).

5431 **rabadilla 2** *s.f.* Peza muscular da cadeira. (Ctel12, Melón, PAre).

5432 **carne de xarreta** *s.comp.f.* Carne de croca. MVN escribe "jarreta". Non descartamos unha confusión co xarrete, pero cómpre ter claro que a croca e o xarrete son dúas pezas de cortadoría moi diferentes na súa forma e categoría. (MVN).

5433 **onde pousa a neve** *loc. s. poét.* Croca. Esta denominación fundaméntase en que esa parte do lombo é horizontal e a neve, ó caer, non esvara polo lombo abaixo senón que queda aí pousada. *Dáme unhas costeletas de onde pousa a neve*. (Ctel12).

6.3.6.1. O rabo da croca

A croca recibe tamén os nomes de *cuada* ou *rabadilla*, que podemos considerar sinónimos. En Galicia é habitual que o músculo denominado *tensor fasciae latae*, que en castelán dá lugar á peza coñecida como *rabillo de cadera* e que baixa desde a cadeira (óso ilíaco) cara ó corte redondo, non se separa deste e véndese unido a el ou, outras veces, á folla dura. Aínda así sabemos que, por veces, si que se fai esta desagregación, dando lugar a un corte específico que chaman *cuada*, *punta cadera* ou, simplemente *punta*. É unha peza muscular pequena e triangular, de carne magra e tenra, na parte inferior da croca, formando unha especie de rabo: *rabo* ou *rabillo de croca*. Adoita cociñarse enteira, á grella.

5434 **punta da croca** *s.comp.f.* Cuada. (Gro3).

5435 **rabo de croca** *s.comp.m.* Peza de cortadoría formada pola parte posterior da croca, cando se expende separada dela. (Gro3).

6.3.7. O corte redondo

Esta peza procede da parte anterior da coxa, sobre o fémur cranial, e proporciona unha carne magra, tenra e zumarenta, moi apreciada e que se emprega para bistés ou para asar. Os mellores filetes saen do medio da peza.

Ó face-lo despezamento, esta peza vén coa rótula e aínda que esta se retire, xunto coa cartilaxe e o tendón, no momento da venda, quedan patentes restos dos ligamentos de inserción e da cápsula sinovial e do mesmo líquido sinovial ó que debe, segundo algún autor, o nome castelán de *babilla*.

5436 **bóla 1** *s.f.* Peza de cortadoría tamén coñecida como corte redondo. A denominación fai xustiza á súa forma practicamente esférica. (Com8, Gro3).

5437 ***babilla 1** *s.f.* Corte redondo. (Común).

5438 **corte redondo** *loc. s.* Peza muscular da cadeira, formada polos músculos da rexión femoral anterior, así chamada pola súa forma. Este é un dos casos nos que os cadros de despezamento, deseñados en castelán, fixeron que en numerosos lugares de Galicia se rexistre o uso da palabra castelá *babilla*. (Común).

5439 **lonxa branda** *loc. s.* Carne do corte redondo. Pode haber no informante unha confusión coa folla branda, tamén chamada *lonxa*. (Cam1).

6.3.8. A folla branda

Esta peza localízase na parte baixa da coxa dos bovinos pola súa cara interna, entre o redondo e o corte redondo. É unha peza grande da que, en animais maiores, se separan tres pezas: a *aleta de tapa* ou *labio*, que resulta a máis dura; unha parte central, *tapa* propiamente dita; e un *cantero* (son denominacións castelás porque só se desagregan no despezamento de animais de pesos superiores ós habituais nas cortadorías galegas).

Preséntasenos tenra e con pouca graxa. Emprégase para facer bistés, estando aconsellado empanalos antes para rete-los zumes que desprende.


5440 **lonxa** *s.f.* Peza muscular coñecida tamén por *folla branda*. (Ced., Com1, Vgar.).

5441 **corte ancho** *loc. s.* Peza de cortadoría tamén coñecida como *folla branda*. (Com7, Gro9, Pnovo3).

5442 **folla branda** *loc. s.* Peza de cortadoría correspondente á parte interior da coxa. (Ctel1, Pont.).

5443 **folla *blanda** *loc. s.* Ver FOLLA BRANDA /5442. *Outra* [razón] *é que, matando os mesmos veciños as vacas e repartíndoas eles, teñen confianza e seguridade tanto na calidade da carne, [...] como no reparto que da res se faga, xa que non lle van meter, como os carniceiros, carne da agulla por folla blanda ou ósos e pelexos por carne de primeira* (Tebra2:13). (Cam1, Ctel12, Gro1, Gro3, Ram., Tebra2).

6.3.8.1. O filete do carniceiro



Filete do carniceiro.

Topograficamente, debemos considerar parte da folla branda un pequeno músculo, o obturador externo, situado na cara ventral da pelve e coñecido popularmente como *filete do carniceiro* (*bife del carnicero*, en Arxentina), supoñemos que porque o matachín o separaba para el a modo de quiñón. Polo que nos explicaba un carniceiro é *super, super tenro*, pero que pola súa graxa e mala presentación non o quería ningunha clienta e ó final remataba levándoo el [222].

5444 **filete do carniceiro** *s.comp.m.* Peza de cortadoría que o carniceiro adoita gardar para si e que está formada por un pequeno músculo situado na base da pelve. Fisioloxicamente a súa función é obtura-la abertura do óso coxal. Ortoño2 tamén lle dá este nome ó redondo da man. (Com8, Gro10, Ortoño2, Pnovo3, PSon).

5445 **tallada do matador** *s.comp.f.* Peza de carne que polo seu mediocre aspecto os seareiros non estiman pero que o cortador, bo coñecedor das diferentes calidades, reserva con gusto para si. No caso das vacas, pode se-lo músculo obturador das patas traseiras ou a tapa da paleta. (Ctel1).

6.3.9. A folla dura

Finalmente, dentro da categoría primeira A está a folla dura, peza muscular situada xunto ó corte redondo, na parte externa e posterior da coxa, desde o sacro ata a cara ventral da articulación femorotibiorrotuliana, sobre a cara lateral-caudal do fémur. É carne dura (de aí o nome galego de *folla dura* e mesmo o castelán de *contra*) e magra, polo que se utiliza enteira para asados e mechados. Poden diferenciarse tres partes nesta peza: o centro, que sería a *folla dura* propia; a punta, separable por veces co nome de *febra miúda* (o que sería en castelán *culata de contra*), cara á tibia, con máis tendóns e aponeuroses; e a cabeza (coa que se une á croca) e que chaman *tapilla* (en castelán, *cabeza de contra*).

No despezamento establecido por *Ternera Gallega* agrupan baixo unha peza única, co nome de *contratapa*, a que acabamos de describir (*folla dura*) e mailo *redondo* e a *febra miúda*, aínda que tamén comercializan estes dous últimos cortes por separado.

5446 **folla dura** *loc. s.* Peza de cortadoría formada polos músculos externos da coxa. (Cam1, Cari., Ctel12, Gro1, Ram.).

5447 **freba dura** *loc. s.* Folla dura. (Com8).

6.3.9.1. A febra miúda

Como dixemos, hai veces que da parte inferior da coxa, xa sobre a cara caudal da tibia, sepárase outro corte que pode venderse como peza independente baixo o nome de *febra miúda*, ou, máis frecuentemente, unida á folla dura (ou *contra*, de aí o nome castelán para esta peza de *culata de contra*), da que ten similares características. Pola estrutura tendinosa dos músculos que forman esta peza [223] ten unha peor presentación cá folla dura ou o redondo, polo que se considera de categoría inferior que estas pezas. Detectamos que algún carniceiro a esta peza dálle o nome castelán de **rabillo*.

5448 **febra miúda** *loc. s.* Peza de cortadoría que constitúe a parte inferior da folla dura. (Com7).

6.3.10. A man de diante

Entre as pezas musculares calificadas como categoría primeira B, a *man de diante* ou, simplemente, *man*, corresponde á musculatura da parte superior das extremidades anteriores, sobre a escápula e o úmero. Dá unha carne magra, tenra e zumarenta, sobre todo a da parte superior, e utilízase para bistés ou asada.

[222] Outro carniceiro, de Dena, falando agora do porco, coincidía na calidade deste *filete do carniceiro* pero é porque chamaba así ó solombo, sinalando sen dúbida esta peza nunha canal de porcino que tiñamos diante.

[223] O músculo gastrocnemio –no home, os *xemelgos da perna*- consta de dous ventres que rematan inferiormente nun tendón común que se une ó do flexor superficial para dar lugar ó tendón do calcáneo, que se insire na tuberosidade deste óso. Este tendón común é o que no home se chama *tendón de Aquiles*, e da súa fortaleza dá idea o feito de que se utiliza a asa formada entre o tendón e a tibia para colga-la canal termando dela sen problema. Resulta evidente que na peza de carne que se obteña haberá restos destas formacións tendinosas.

A peza que os cortadores galegos coñecen como *man de diante* agrupa normalmente o que os cortadores casteláns, que traballan sobre animais máis desenvolvidos, adoitan desagregar en catro pezas distintas: *pez*, *espaldilla*, *maza* e *llana*.

Cónstanos que o máis común é que todo o conxunto se venda como unha peza única baixo o nome de *man de diante*. De feito, no despezamento que propón ASOGACARNE só fala de dúas agrupacións musculares obtidas da man: o conxunto que denomina *paleta* e nós *man de diante* (as catro pezas que acabamos de mencionar) e o xarrete (no que agrupa o *brazuelo*, para nós *tes*). Aínda así, vimos casos nos que se dividía seguindo, máis ou menos, estas catro pezas citadas e, polo que nos dixeron os nosos informantes, identificadas polos seus nomes casteláns.

A escápula dos bovinos (que corresponde ás pas ou omoplatas que nós temos nas costas) ten pegados a ela uns músculos tanto pola parte exterior coma pola interior e que a acompañan no despezamento. Na parte exterior son dous músculos: un anterior, o supraespiñoso (*musculus supraspinatus*), que é estreito e que se coñece como *redondo da man, falso redondo* (para diferencialo do *redondo* da perna, máis propio) e tamén como *solomillo francés* [224] */solomillo inglés* (é dicir, falso, por oposición ó verdadeiro solombo). En castelán sería o *pez*.

O outro músculo da cara externa da escápula, infraespiñoso (*musculus infraspinatus*), é posterior, ancho; corresponde ó que en castelán se denomina *espaldilla*. Os carniceiros galegos adoitan vendelo xunto con outro músculo que vén de abaixo e atrás ata a escápula ocupando o ángulo que esta forma co úmero e que ten tres inserción na escápula que lle dan o nome de triceps (literalmente 'tres cabezas'), *Triceps braquial*. De separar esta peza, sería o *centro da man* (equivalente ó castelán *maza*).

6.3.10.1. A man

O conxunto formado polo músculo subespiñoso e mailo triceps é o que se chama nas carnicerías galegas *man*.

5449 **man 4** *s.f.* Peza de cortadoría formada polos músculos da parte superior das patas dianteiras. (Ctel12).

5450 ***paletilla 3** *s.f.* Peza formada polos músculos que rodean a escápula e o úmero. (Ram.).

5451 **carne de man** *s.comp.f.* Carne que está rodeando a escápula. (Gro3).

A carne de man a calquera burro lla dan. (Ctel2) [225]
A carne de man a calquera burro ña dan. (Par2)
Por eso se vende a vaca, porque a un gústalle o peito i a outro a espaldra. (ERG:vaca) [226].

6.3.10.2. O centro da man

Por veces, desa *man de diante* que vimos de describir, sepárase unha parte formada polo músculo triceps, entre a escápula e o úmero.

5454 **centro da man** *s.comp.m.* Peza de cortadoría formada polos músculos da parte posterior da escápula e do úmero, e que corresponde ó castelán *maza*. (Com8, Ctel12, Gro11, Pnovo3).

5455 **centro da *espalda** *s.comp.m.* Ver CENTRO DA MAN /5454. (Com7).

6.3.10.3. A tapa da paleta

Agora imos á parte interior da escápula, á parte que contactaría coas costelas. Aquí atopamos un músculo vertical, alongado, ancho pero delgado, que se estende desde a foxa subescapular (depresión na cara interna da escápula) ata a cara medial do úmero. Trátase do músculo *subscapularis* e dá lugar á peza de cortadoría denominada *tapa* ou *tapilla*, máis coñecida polo castelán *llana*; esta denominación castelá é axeitada para un músculo alongado, ancho e plano. Inclúese entre as carnes de segunda categoría e ten

[224] E, pola súa banda, os franceses chámanlle *filet d'epaule*, sendo *filet* o nome que dan ó solombo.

[225] A carne das patas dianteiras da vaca só é boa pra cocer, pero non para bistés.

[226] Para ERG, *espaldra* é *variante vulgar de espalda*, o que nos levaría ás costas e, falando de carne, ó lombo. Este refrán fala de peito e de espaldra. Non coñecemos ningunha peza que en Galicia se chame *espaldra* pero este refrán lémbrano-la peza que en castelán se chama *espalda* ou *espaldilla*, que serían parte do que en Galicia chamamos *man de diante*: por iso traemos aquí este refrán. Ora ben, se a *espaldra* deste refrán se referise ás costas, non tería nada que ver co que estamos a falar.

mala venda porque ten moita aponeurose (*goldracha, teaza, tez*, é dicir, esa parte branca que non se come) e ademais porque, como dixemos, é delgado, así que só se utiliza para guisar ou maiormente como carne picada, para hamburguesas. Moitos informantes coinciden na baixa calidade desta peza (*Non me deas desa pel*, protestaba unha clienta), pero cónstanos que resulta apreciada por outros.

Cómpre, mesmo así, recoñecer que corre nalgúns casos a denominación xenérica de *tapa* para diversos músculos que teñen en común unha forma aplanada (*tapa da croca, tapa da agulla, tapa do peito*).

5456 **tapa 1** *s.f.* Ver TAPA DA PALETA /5457. (Gro9).

5457 **tapa da paleta** *s.comp.f.* Peza de cortadoría formada polos músculos interiores da paleta e que corresponde ó castelán *llana*. (Gro11, Pnovo3).

6.3.10.4. A tapa da man

Para sermos exactos a chamada *man de diante* leva tamén outros dous músculos máis superficiais: o *redondo menor* (*Teres minor*) e mailo *deltoides* (*Deltoideus*), que, por veces, tamén se separan. Cando así se fai, obtense a *tapa da man*.

5452 **tapa da man de diante** *s.comp.f.* Peza de cortadoría que corresponde ós músculos externos da parte alta das extremidades anteriores. (Com8).

5453 **tapa da *espalda** *s.comp.f.* Ver TAPA DA MAN DE DIANTE /5452. (Com8).

6.3.11. O redondo da man

Xa dixemos que na parte anterior da man de diante atopámo-lo *redondo da man*, situado sobre a cara externa da escápula e anteriormente á crista que percorre este óso de arriba a abaixo. A forma e o tamaño lembran ós do solombo, polo que tamén se coñece como *solombo francés* ou *inglés* [227], sendo de moita menor calidade có solombo lexítimo. A realidade é que a ninguén lle escoitamos empregar a forma *solombo* para esta peza de carne. Como xa dixemos ó falarmos do verdadeiro solombo, o castelanismo *solomillo* é a forma utilizada por case tódolos informantes.

Outra denominación que atopamos é a de *boliche*, posible americanismo que tamén designa entre nós un peixe miúdo (e a arte coa que se pesca). A forma deste músculo pode lembra-la dun peixe, e quizais de aí o nome castelán de *pez* e o brasileiro *peixiño*.

Inferiormente, o músculo divídese en dúas ramas entre as que se forma o tendón do bíceps braquial (que xa forma parte da peza inferior). Os cortadores adoitan retirar este tendón, este *nervio*, ó prepararen a peza para a venda e evitar así a retracción do músculo que sufriría ó ser cociñado. Utilízase para mechados e recheos.

5458 **boliche** *s.m.* Ver REDONDO DA MAN /5459. Ortoño2, carniceiro, describe, en cambio, o boliche como un músculo pequeno e relativamente redondo que el separa do xarrete traseiro e que está unido ó tendón que une ese músculo co óso da asa: con tal descrición supoñemos que Ortoño2 se refire ó músculo gastrocnemio (*febra miúda*). Posiblemente teña orixe arxentina esta palabra. (PBJ).

5459 **redondo da man** *s.comp.m.* Peza de cortadoría, da man de diante, que corresponde ó musculo supraespiñoso. (Ctel12).

5460 ***solomillo francés** *s.comp.m.* Peza de cortadoría formada polo músculo supraespiñoso, situado na parte externa e anterior da escápula, de forma e tamaño semellante ó solombo verdadeiro pero de calidade moi inferior. (Gro3, Gro11).

5461 ***solomillo inglés** *s.comp.m.* Ver *SOLOMILLO FRANCÉS /5460. (Pnovo4).

[227] O xentilicio *francés* (e con menor frecuencia, *inglés* ou *portugués*) utilízase comunmente na denominación de peixes e mariscos semellantes á especie común en Galicia, máis coñecida e máis valorada, pero que comparativamente con esta son menos frecuentes, de peor calidade ou, polo menos, non tan apreciadas. Así temos, por exemplo, a *nécora francesa,* o *boi de Francia,* a *lagosta francesa* (un dos nomes do lumbrigante, menos apreciado cá lagosta propia), *a ostra portuguesa* etc. Por veces, trátase realmente de mariscos importados de Francia (e parece que a denominación naceu para identifica-las primeiras importacións de ostra, que efectivamente procedían deste país), pero tamén se aplica cando proceden doutros países ou mesmo doutras zonas de Galicia. Outro recurso común co mesmo significado é califica-la especie como *de fóra*.

6.3.12. A agulla

A carne de agulla procede da parte anterior do lombo e posterior do pescozo, e está integrada pola musculatura do tronco baixo as escápulas e a musculatura dorsolateral do pescozo, incluíndo as 4-5 primeiras vértebras dorsais, zona na que se continúa co lombo.

Cando non se despezan becerros senón xatos de máis idade e sobre todo no vacún maior, na rexión do pescozo sepárase a parte máis superior, dando unha peza de carne seca e moi fibrosa, de segunda categoría, que só se utiliza en guisos e como carne picada. Esta peza, coñecida pola denominación castelá *morrillo*, non se desagrega nas cortadorías galegas porque, como xa dixemos, as reses que aquí se sacrifican son moi novas e case non se lles desenvolveu o músculo romboideo, que é o que conforma esa parte, polo que non hai diferenzas organolépticas entre ela e o resto da agulla [228]. De feito, no despezamento normalizador de *Ternera Gallega* non só non diferencian entre *agulla* e *morrillo*, senón que tampouco desagregan o *pescozo* (as masas musculares inferiores e superficiais do pescozo e as máis próximas á cabeza, de peor calidade: terceira categoría), indo todo incluído nunha mesma agrupación muscular denominada *agulla* (*Agulla é todo*, explicaba graficamente un carniceiro).

Cando en animais maiores se separa o pescozo, cortando na altura da primeira costela, obtense un corte de categoría Terceira, moi desprestixiada, que proporciona unha carne dura e fibrosa, pouco apreciada, utilizada principalmente para picar e para caldos.

A carne de agulla defínese como unha carne fibrosa, magra, con ou sen óso, e emprégase para diferentes usos culinarios. Dentro deste corte pódense distinguir dúas partes, unha anterior, cara ás vértebras cervicais, que se chama *agulla pechada* e que se pode consumir en bistés fritos ou empanados, e outra posterior, chamada *agulla aberta*, menos tenra e saborosa, que adoita ir acompañada da parte correspondente das primeiras vértebras torácicas.

Pode comercializarse tanto como *agulla con óso*, cando non se lle retiran as apófises espiñosas das vértebras e os segmentos das 4-5 primeiras costelas, segundo o corte; ou como *agulla sen óso*, cando se presenta limpa de restos óseos e, normalmente, da musculatura superficial, máis rica en graxa e aponeuroses. Cando así se fai, esa musculatura superficial (fundamentalmente, trapecio cervical e torácico máis dorsal ancho) ponse á venda co nome de *tapa/tapilla da agulla*. En calquera caso, deben eliminarse os restos das cartilaxes, tendóns e o ligamento cervical completo.

5462 **aghulla 2** *s.f.* Ver AGULLA 2 /5463. A nosa fonte escribe *ajulla*. (ILG: 68 (C:34, LU:2, OU:1, PO:31)).

5463 **agulla 2** *s.f.* Peza da rexión da cruz e músculos que recobren as vértebras cervicais e primeiras dorsais. En plural recólleo Damil. *Outra* [razón] *é que, matando os mesmos veciños as vacas e repartíndoas eles, teñen confianza e seguridade tanto na calidade da carne, [...] como no reparto que da res se faga, xa que non lle van meter, como os carniceiros, carne da agulla por folla blanda ou ósos e pelexos por carne de primeira* (Tebra2:13). (Común. ILG:75 (C:26, LU:24, OU:11, PO:13, GExt.:1)).

5464 **pescoceiro** *s.m.* Carne de agulla. (Enxames).

5465 **pescoso 2** *s.m.* Ver PESCOZO 2 /5466. (Buga-A, Couce., Dum., Lous., Morai., Negr2, Sisán, Valad2).

5466 **pescozo 2** *s.m.* Carne de agulla. Parte muscular desta rexión, de pouco aprecio na cortadoría pola súa dureza. (Abadín, Antas3, Arroxo, Burela1, Caban., Carbal., Com1, Laxosa, Medín, Meir., Meira2, Mondo2, Oroso2, Piñei2, Piñor, Rábade, Rib-S, Vala1, Veste., Xudán1).

5467 **xugheira 3** *s.f.* A nosa fonte defínea como "carne da agulla" e escribe *xujeira*. (Couce., Grixoa).

5468 ***aghugha** *s.f.* Ver AGULLA 2 /5463. Forma híbrida por hipercorrección da gheada. A nosa fonte escribe *ajuja*. (Vtose).

5469 **aghulla baixa** *s.comp.f.* Carne de agulla. A nosa fonte escribe *ajulla baixa*. (Xeve).

5470 **carne cativa** *s.comp.f.* Carne do pescozo, considerada a máis dura e ruín do animal pola cantidade de nervios e aponeuroses que ten. *É máis cativo cá carne do pescozo*. (Cam1).

5471 **carne da aghulla** *s.comp.f.* Carne de agulla. A nosa fonte escribe *carne da ajulla*. (Buga-N).

5472 **carne do cachazo** *s.comp.f.* Carne de agulla. (Oliv).

5473 **carne do colo** *s.comp.f.* Carne de agulla. (Car2).

5474 **carne do lombo alto** *s.comp.f.* Denominación local da agulla cando inclúe a parte anterior do lombo. (Valad1).

5475 **carne do pescoso** *s.comp.f.* Ver CARNE DO PESCOZO /5476. (Buga-N, Cam4, Casal., Cruído, Fuxás, Lucí, Ortoño, SComba).

[228] Nalgún caso indicáronnos que cando matan becerros cuóns sí que se separa ese músculo por estar máis desenvolvido, pero que segue vendéndose como agulla.

5476 **carne do pescozo** *s.comp.f.* Carne de agulla. (ILG:37 (C:16, OU:9, PO:12)).

5477 **tapa da agulla** *s.comp.f.* Peza de cortadoría formada polos músculos cervicais superficiais que recobren a peza coñecida como agulla. Un informante defínea como "a parte de fóra da agulla". (Com8, Ctel12).

A carne de agulla é pouca e sabe ben, mais non é pra quen fillos ten. (XMSH:53; ERG:carne) [229]
Na cortadoría non hai carne que non se venda: us piden lombo, outros agulla e outros perna. (ERG:cortadoría)

6.3.12.1. O sangradouro

Os músculos da zona inferior do pescozo, á altura da xugular, sepáranse ás veces para dar lugar a unha peza de inferior calidade (*sangradouro,* en cast. *sobrevena*) ou van para carne picada. Advertimos que esta carne se menciona aquí só por razóns de proximidade xeográfica coa agulla e mailo pescozo, pero que non se considera parte destes.

5478 **sangradouro** *s.m.* Carne da parte lateral do pescozo por onde se sacrifica a res e que queda empapada de sangue. Véndese como *carnes mortas* polo seu ruín aspecto e mala conservación. (Morga).

6.3.13. O xarrete

Empezamos agora coas pezas consideradas como de Segunda categoría.



Cortes para *ossobuco.*

[229] ERG: *tèn*. Este refrán sorprende porque parece indicar que a carne da agulla é tan cara que un pai de familia non pode aspirar a mercala, cousa que non parece certa, hoxe polo menos, porque a agulla é carne de segunda: a vaca dá carnes moito máis caras cá agulla. Probablemente o refrán sexa vello, de cando se vivía a cuncas de caldo e poucas veces no ano se podía comer carne. En Santa Marta de Moreiras recóllense os mandamentos do pobre e dise o seguinte: *O terceiro, non comer vaca nin carneiro* (Morei:392). E n*'O catecismo do labrego* dise -*¿Qué é a carne? – Unha cousa que din que se come, e que sabe ben, e que mantén moito, da que temos ouvido falar a miúdo, pro que non nos pasa polas gorxas inda que nos pase polas mentes.* Deste refrán hai equivalencia en castelán do que a Enciclopedia Espasa, s.v. carne, dá unha variante lixeiramente diferente: *La carne de las agujas es poca y sabe bien, mas no para quien hijos tien* e explica o seguinte: *Expresa que pasteles de carne son muy sabrosos, pero demasiado caros para un padre de familia.* Isto dos *pasteles de carne* xa é outra cousa, porque, de ser así, o refrán pode referirse non á carne da agulla senón ás agullas que se espetan no pastel (coma nos biscoitos) para saber se xa están ben cocidos, cousa que indica a agulla cando sae seca do pastel. En calquera dos dous casos, trataríase dun prato caro, ben porque se come en tempos de carestía, ben porque non se come un pouco de carne con outra cousa, senón un prato de verdadeira carne picada.

Os xarretes, dianteiro e traseiro, están constituídos pola musculatura que rodea o cúbito e radio, nas extremidades anteriores, e a tibia e o peroneo, nas posteriores. Que saibamos, é máis frecuente non facer diferenzas, na cortadoría, pola orixe desta peza, aínda que algúns informantes dan como máis brando, máis zumarento, o anterior có posterior [230].

Proporciona unha carne magra, rica en coláxeno e con numerosas aponeuroses, ó estar formada a peza por diferentes e pequenos músculos flexores e extensores dos dedos. Na cociña, é a carne máis apropiada para cocer. Desta peza obtense o coñecido *ossobuco*, mediante cortes transversais que inclúen a sección do óso correspondente [231]. *Ossobuco* quere dicir "burato do óso", e é que este tipo de corte perpendicular do óso, deixa á vista o burato no que está a medula.

5479 **lagartas** *s.f.pl.* Ver LAGARTO 5 /5480. (Saln., TMon1).

5480 **lagarto 5** *s.m. Ú. m. en pl.* Xarrete. (Cunt1, Mond2, Neves, Ortoño2, Pont., Xun2).

5481 **xarreta** *s.f.* Ver XARRETE 1 /5482. (Gro1, JMP).

5482 **xarrete 1** *s.m.* Peza de cortadoría formada polos músculos situados sobre a tibia ou sobre o radio. Gro1 (*Léxico de O Grove*) define incomprensiblemente como "carne de la costilla de la vaca": coidamos que por forza debe de ser unha errata: *costilla* por *rodilla*. (Caa., Cab., Ced., Com1, Com8, CP, Fri., Gro1, Ram., Razo, TerGal, XER).

5483 **xarreto** *s.m.* Ver XARRETE 1 /5482. (Cam1).

5484 **xerrete 1** *s.m.* Ver XARRETE 1 /5482. (Feás-A).

5485 **xarrete da perna** *s.comp.m.* Xarrete traseiro. (Ctel12).

6.3.14. A tes

Xusto por riba dos xarretes dianteiros e por baixo da man de diante, sobre a cara cranial do úmero, atópase a tes.

Ata onde nós sabemos, parece ser que os carniceiros non separan habitualmente esta peza do xarrete aínda que coñecen a diferenza. Tampouco o fai *Ternera Gallega* no seu corte estandar. Igualmente, observamos que, cando o fan, non lle dan nome propio senón que o nomean por referencia: *xarrete interior*, *xarrete de dentro* [232].

Desde o punto de vista gastronómico, trátase dunha peza muscular magra e fibrosa, que se utiliza para cocidos e para guisar.

5486 **encontro** *s.m.* Peza de cortadoría formada polos músculos que rodean o úmero, por riba do verdadeiro xarrete. Corresponde ó castelán *brazuelo*. (Com7, Com8, Pnovo3).

5487 **tes 1** *s.f.* Ver ENCONTRO /5486. TerGal escribe *tés*. (Com8, TerGal).

5488 **ties** *s.f.* Ver TES 1 /5487. (Ordes3).

5489 **xarrete aberto** *s.comp.m.* Ver ENCONTRO /5486. O noso informante comenta: *Hai que abrilo sempre. Non é un xarrete redondo coma o outro*. (Ctel12).

5490 **xarrete alto** *s.comp.m.* Ver ENCONTRO /5486. Nos becerros pequenos non se despeza tanto e o *xarrete alto* vai co xarrete propiamente dito. (Ctel12).

5491 **xarrete de dentro** *s.comp.m.* Ver ENCONTRO /5486. (Gro11).

5492 **man aberta** *loc. s.* Ver ENCONTRO /5486. (Ctel12).

6.3.15. A tapa do peito

A tapa do peito ou *tapa gorda* procede da musculatura situada no espazo comprendido entre as dúas extremidades anteriores dos bovinos, na parte inferior do pescozo e sobre o esterno e as primeiras costelas. A súa é unha carne dura, con moito tecido conxuntivo e aponeuroses, pouco apreciada. Na cociña úsase para rechear, para rolos ou guisada.

---

[230] Algún informante falounos do *xarrete de diante* ou *xarrete da man* fronte ó *xarrete de atrás* ou *xarrete da perna*. Do mesmo xeito, en cortes casteláns atopamos *morcillo anterior*, *brazuelo* ou *zancarrón* fronte a *morcillo posterior* ou *jarrete*. Pero non parece estar moi fixada esta diferenciación: Com8 contounos que no matadoiro no que traballa, *un que había aquí antes chamaba jarrete ó de diante e morcillo ó de atrás.*

[231] No despezamento proposto por Asogacarne, o *ossobuco* só é o xarrete posterior. O anterior sae só como peza enteira, co nome de xarrete

[232] Tamén en castelán existe esta denominación referida, neste caso, ó *morcillo*: *morcillo superior* ou *morcillo de la espaldilla*.

Por baixo desta capa muscular atópase o esterno e o extremo inferior das costelas. Na cortadoría adoita separarse a *tapa do peito* deste conxunto óseo, que se denomina *costela de peito* ou *óso do peito*. Resulta un corte con moito óso, graxa e tecido conxuntivo, polo que debe dedicarse a cocidos, caldos etc., ós que dá boa substancia.

5493 **entrepeito** *s.m.* Peza de carne procedente do peito da res vacúa. (ERG).

5494 **peito 3** *s.m.* Peza de cortadoría formada pola carne que cobre o esterno e a parte inferior das primeiras costelas. Crespo dáo como moi común. (Com1, Com8, CP, ERG, Ram.).

5495 **carne de peito** *s.comp.f.* Ver CARNE DO PEITO /5496. (ERG, JASA2, UCA2, ZM).

5496 **carne do peito** *s.comp.f.* Carne da rexión pectoral da res. A nosa fonte en Cervá1 defínea como "carne do pescozo". (Cervá1, ERG, Gro1).

5497 **costela do peito** *s.comp.f.* Ver ÓSO DO PEITO 2 /5498. (Com8).

5498 **óso do peito 2** *s.comp.m.* Peza de cortadoría, composta pola parte do costeleiro e mailo esterno, que queda ó tirarlle a tapa do peito. (Pnovo3).

5499 **tapa do peito** *s.comp.f.* Peza de cortadoría formada polos músculos, graxa e tecido conxuntivo que recobre o esterno. (Com8, Ctel12).

A carne de peito, moita sona e pouco proveito. (ERG:carne) [233]
A carne do peito non é moita, pero é sustanciosa. (ERG:carne)
Carne de peito, moita sona e pouco proveito. (UCA2:29; ZM:58; JASA2:349) [234]
Carne do peito, carne sin proveito. (ERG:carne)
Por eso se vende a vaca, porque a un gústalle o peito i a outro a espaldra. (ERG:vaca)

6.3.16. O peito e costeleiro

Co nome de *costeleiro*, *costelar* ou *entrecosto* denomínase a peza formada pola parte inferior das costelas, cara ó esterno, e a musculatura que as cobre e a que as une entre si (numerosos músculos curtos e ricos en graxa). Tendo en conta que o despezamento da res comeza dividindo a canal lonxitudinalmente en dúas metades e logo, cada media canal, en dous cuartos de canal mediante un corte transversal á altura do espazo comprendido entre a 4ª e a 5ª costelas (noutros casos, entre a 7ª e a 8ª), a peza da que agora falamos é a representada polas primeiras 4-7 costelas, mentres que as 9-6 costelas restantes van coa faldra formando a *faldra e costeleiro*. O límite dorsal deste costeleiro sería a liña que pasa á altura ou un pouco por riba do límite entre o terzo medio e o terzo superior das costelas (liña que separa por riba a agulla); e o límite ventral é o esterno, cortado ó medio.

O que chamamos *costeleiro* sería o resultado de separar desta peza a *tapa do peito* e o *peito*. E deste costeleiro aínda se pode separa-la capa muscular superficial, dando lugar a unha peza máis, denominada en cast. *manta* ou *mantillo*, deixando só as costelas e os músculos intercostais.

Aínda que *costela* adoita denominar cada un dos ósos que soportan esta peza, tamén se coñece co nome de *costela* a peza de carne obtida ó corta-lo costeleiro en tiras transversais ás costelas ou anacos, máis ou menos grandes. Na cociña poden prepararse de moi distintas formas, entre as que destaca en sona o *churrasco*; tamén é a peza máis utilizada para elabora-la *carne ó caldeiro*.

5500 **costas 2** *s.f.pl.* Ver COSTELEIRO /5503. (Gro3).

5501 **costelar 1** *s.m.* Ver COSTELEIRO /5503. (Com1, Mez., Suarna, Vala., Ver1, Vil., Xun.).

5502 **costelaxe** *s.m.* Ver COSTELEIRO /5503. (ERG).

5503 **costeleiro** *s.m.* Conxunto de costelas e músculos intercostais que forman a parede da caixa torácica. Recóllense os castelanismos *costillar* en Burón, Com1, Feás-A, Gro1, Gud., Ped., Per., Porto e Sob.; *custillar* en Gro1 e Laxe e *costilla* en Couce. (Piquín).

5504 **costrelar** *s.m.* Ver COSTELEIRO /5503. (Incio, Mra.).

5505 **entrecostelas** *s.f.pl.* Ver ENTRECOSTO 1 /5506. (Coto).

5506 **entrecosto 1** *s.m.* Peza muscular formada polas costelas e músculos intercostais. (Burón, Caa., Cab., Cal., Ced., Com1, Cur., Gui., Gun., Laxe, Mez., Mra., Pantón, Per., Sob., Suarna, Vala., Xun1).

5507 **entrecostro** *s.m.* Ver ENTRECOSTO 1 /5506. (Feás-A, Incio).

5508 **entrefebra** *s.f.* Ver ENTRECOSTO 1 /5506. Chámase así por haber tecido graxo entre as febras musculares. (Ped1).

[233] Indica que é carne de pouco alimento porque ten moito óso.
[234] No texto: *¡Carne de peito! moita sona e pouco proveito* (ZM); *d'o peito* (JASA2).

5509 **manta 2** *s.f.* As nosas fontes definen como "carne que hai entre as costelas". Coa ambigua definición das nosas fontes, témo-la dúbida de se non se tratará realmente do diafragma, tendo en conta que cando se extrae, pode parecer un pano. Tamén poderían estar a falar do epiplón dos porcos, envoltura que rodea o intestino e a parede ventral do diafragma, e que se chama *mantelo* (San.,Vala.) e *mantilla* (Toba, Com1, Sob). Aínda así clasificámolo como carne, primeiro porque así o definen as fontes e, segundo, porque tamén podería ter a súa lóxica que a carne do lombo se considere a *manta* do corpo do animal: no inverno é frecuente ver no campo algunha vaca co lombo cuberto por unha manta ou, modernamente, por un plástico. (Com1, XER).

6.3.16.1. As costelas

Do costelar quítanse as *costelas, paus* ou *varillas*, ósos longos e arqueados que forman a caixa torácica dos animais de abasto e que unen o espiñazo e o esterno, se ben as posteriores non chegan a este.

5510 **pau** *s.m.* Cada unha das costelas. Recibe esta denominación a efectos de cortadoría. Úsase en frases coma *cortar a catro paus*, *cortar a tres paus* e similares. (Com7).

5511 **vara 2** *s.f.* Ver PAU /5510. (Cam1, Ctel12).

6.3.17. A faldra e o costeleiro

A faldra corresponde á musculatura abdominal e musculatura caudal da parede costal dos animais de abasto. Véndese por separado ou, máis frecuentemente, coa parte correspondente do costeleiro (desde a 5ª-8ª costela, segundo o corte da media canal, á 13ª costela), co nome de *faldra e costeleiro*. Comprende igualmente, no caso do *cuarto pistola*, a porcion caudal do esterno e mailas cartilaxes costais.

Da faldra poden separarse tres pezas: *a faldra* propiamente dita, que se separa mediante un corte ó longo do bordo posterior da última costela e que corresponde á musculatura da parede abdominal, sen base ósea ningunha; o *centro do costeleiro*, que corresponde á musculatura costal, coas costelas incluídas, e co que se fai o churrasco; e a *costela mamiña*, que corresponde á musculatura da zona inferior, ventral, mailas cartilaxes costais e a parte caudal do esterno.

Dá unha carne magra e dura, con presenza de capas de fibras musculares en distintas direccións, que se utiliza para caldos, guisos e cocidos. Cando vai sen óso emprégase para facer rolos e, cando leva óso, córtase en anacos ou tiras para guisar ou asar.

Da faldra obtense tamén unha afamada peza na cociña arxentina, o *matambre*, formada exclusivamente pola primeira capa muscular (músculo oblicuo externo) e a capa de graxa subcutánea, cubrindo todo o flanco da res desde a man ata a perna.

6.3.17.1. A faldra

5512 **falda 1** *s.f.* Ver FALDRA /5513. Com4 dá unha variante *faldo* que nos parece dubidosa. A nosa fonte en Verdu. e Noalla definen como bésta, o que coidamos un erro evidente. (Común. ILG: 166 (C:69, LU:32, OU:15, PO:47, GExt.:3)).

5513 **faldra** *s.f.* Carne do ventre da res. Peza formada polos músculos abdominais inferiores. (Común: Abe., Agro., Alla2, Baltar, Baíñas, Busta., Cam1, Carr-G, Cere., CP, ERG, Estr4, Fuxás, Goián, Goián2, Lamas, Leir-A, Lestón, Mon., Mosen., Mra., Negr2, Nove., Oirán, Oirós, Oroso2, Oza, Pade., Piñe., Pont., Pre., Razo, Rendal, Ribó, Rus, Sabu2, Salv3, Santi., TapiaC, Ver1, VFrore., Vil., Vrei.).

5514 **faldreta** *s.f.* Ver FALDRA /5513. (Casal.).

5515 **vacío 2** *s.m.* Peza de cortadoría formada pola parte posterior da faldra que xa non ten óso. Unha carniceira (Gro3) usou incidentalmente a denominación castelá *tapa del vacío*. (Com7, Com8, Ctel12, Pnovo3).

5516 **van 2** *s.m.* Carne da faldra. A nosa fonte define como "carne de las costillas" e escribe *ban*. (Gro1).

5517 **carne da barriga** *s.comp.f.* Carne do ventre da res. (Laxosa, Lendo).

5518 **carne da barrigha** *s.comp.f.* Ver CARNE DA BARRIGA /5517. A nosa fonte escribe *carne da barrija*. (Caa., Medín).

5519 **carne da faldra** *s.comp.f.* Carne do ventre da res. (Bar-Co., Casal.).

5520 **carne de falda** *s.comp.f.* Ver CARNE DA FALDRA /5519. (Fol-LE).

5521 **carne do buxello** *s.comp.f.* Carne do ventre da res. Non atopamos rexistrada a palabra *buxello* pero tendo en conta que *buche*,

buchelo, *buchello*, *bucho* ou *bochelo* significan "estómago dos animais" (e *bochecho* é persoa barriguda), supoñemos que se trata dunha variante. Téñase en conta, mesmo así, que *bucheu*, *buxeo* e *buxeu* significan carniceiro, e quizais este *buxello* sexa da mesma familia. (Xudán1).

5522 **carne do ventre** *s.comp.f.* Carne da rexión abdominal da res, faldra. (Rama.).

5523 **falda sensilla** *s.comp.f.* Carne do ventre da res. (Noal).

5524 **falda *doble** *s.comp.f.* Carne do ventre da res. O noso informante non especifica a diferenza respecto á *falda sensilla*. (Noal).

5525 **faldras da barrigha** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver FALDRA /5513. (Sofán).

Cómese toda a vaca, porque uns queren da perna e outros da faldra. (ERG:vaca) [235]

6.3.17.2. A costela mamiña

Esta peza de carne que algúns chaman *virillas* (e mesmo por deformación *varillas*) corresponde ás tiras de costela (da última costela, a nº 13) que se sacan á altura na que no macho está o prepucio e de aí o seu nome, porque *virillas* vén de *virilia*, é dicir, da zona da virilidade do becerro.

5526 **costela mainiña** *s.comp.f.* Ver COSTELA MAMIÑA /5527. (Ctel12).

5527 **costela mamiña** *s.comp.f.* Peza de cortadoría que contén a parte esternal e cartilaxinosa das costelas coa carne adherida. (Com8).

5528 ***custilla mimiña** *s.comp.f.* Ver COSTELA MAMIÑA /5527. A nosa fonte escribe *custiya mimiña*. (Gro1).

5529 **mouniña** *adx.* A nosa fonte defínea como "carne do ventre da res" pero supoñemos que é unha variante de *costela mamiña*. Lémbrese que este adxectivo aparece coas variantes *mamiña* / *maimiña* /*mainiña* /*meiniña*; *moimiña* /*moiniña* e ben puidera ser unha variante máis. (Vnova2).

6.3.17.3. A entraña

Na cara interna do costeleiro atópanse os restos costais do diafragma e os piares (masas musculares que fixan o diafragma á columna vertebral). Estes fragmentos musculares sepáranse co nome de *pito*, *pitos* ou *entraña*, ou adoitan ir parar a ese conxunto indefinido denominado *entrañas* ou *carnes mortas*, destinadas habitualmente a convertérense en carne picada.

5530 **entraña 2** *s.f. U.t. como pl.* Parte carnosa do diafragma que queda na cara interna do costeleiro. No 2005, a carta dun restaurante do Grove incluía as *entrañas de boi* entre os seus pratos. En Arxentina e no Brasil ó diafragma, como peza de cociña, chámanlle *entraña fina / entranha fina* (Gro3).

5531 **raxo 4** *s.m.* Peza de cortadoría formada polo diafragma e mailos piares do diafragma. O noso informante Ourense3, experto na materia, engade que o *raxo* do porco recibe só os nomes de **lomo*/*lombo*. O noso informante de PSon especifica o nome como *raxo do crego*, sen sabe-la explicación. (Ourense3, PSon).

5531b **reixada** *s.f.* Parte carnosa do diafragma que vai unida ás vísceras torácicas (pulmón, corazón, etc). (Arc1, Sou3).

5532 **carnes mortas 1** *s.comp.f.pl.* Conxunto do diafragma e os piares do diafragma. (Pnovo3, Pnovo4).

6.3.18. O rabo

Na cortadoría, o rabo constitúe unha peza formada polos músculos coccíxeos e as primeiras vértebras do rabo, rica en xelatinas e utilizada para facer caldos, estufados ou salsas ou como ingrediente principal en certas preparacións culinarias específicas, entre as que destacámo-lo *oxtail-soup* (consomé ou sopa de rabo de boi).

5533 **rabo 2** *s.m.* Peza de cortadoría que se obtén das primeiras vértebras coccíxeas e os tecidos brandos que as rodean. (Común).

[235] A E. Espasa comenta o equivalente castelán: *refrán que enseña que por la diversidad de gustos todo resulta aprovechable*.

6.3.19. O espiñazo

O espiñazo, como peza de cortadoría, está constituído polas vértebras que conforman a espiña dorsal, a columna vertebral, logo de elimina-la musculatura que a recobre, é dicir, o lombo e o solombo. Realmente, non existe como peza de cortadoría no vacún, xa que non se comercializa como peza independente senón formando parte das costeletas, que non son outra cousa que unha torada de lombo co fragmento de vértebra e de costela que lle correspondan.

Aínda máis. Cando se puxeron en práctica en España as medidas de control sanitario instauradas a raíz do mal das vacas tolas, consistentes na retirada de determinadas pezas e órganos potencialmente transmisibles do prión causante da enfermidade, o espiñazo completo dos animais de máis de 12 meses de idade era retirado sistematicamente no matadoiro ou nas salas de despezamento para proceder á súa destrución por incineración. A partir do 1º de xaneiro de 2006, esta retirada e destrución aplicouse só en animais maiores de 24 meses, e na actualidade, desde xaneiro de 2009, só en animais maiores de 30 meses, e respectando as apófises espiñosas e transversas, que poden ir coa canal.

6.3.20. A medula ósea

Rematamos aquí coas pezas de carne obtidas no despezamento realizado na cortadoría. Resulta evidente que a medula ósea non forma parte deste despezamento pero incluímola, como colofón, porque vén cos ósos que separa o carniceiro e que o consumidor compra na cortadoría para o caldo.

A medula ósea é un tecido conxuntivo moi rico en graxa, aloxado nas cavidades existentes na porción media dos ósos longos (ósos de cana). Na cociña utilízase adoito para darlle substancia ós caldos.

Nos animais acabados de nacer, a medula de tódolos ósos está formada por medula vermella pero, segundo van medrando, vaise transformando en medula amarela, permanecendo aquela, nos animais adultos, só nos ósos do cranio, esterno, omoplata, vértebras e pelve. A función da medula vermella é a produción de células sanguíneas (hematopoese), función que se perde na medula amarela.

5534 **entenas 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Medula ósea. Úsase tamén co significado de entrañas. (ERG).
5535 **medula** *s.f.* Substancia graxa contida dentro dos ósos longos. Na cortadoría chámase *tutano*. (ERG).
5536 **micharola** *s.f.* Medula ósea. (Xun2).
5537 **michola 1** *s.f.* Medula ósea. (Xun2).
5538 **miola 1** *s.f.* Medula ósea. (Ancares2).
5539 **miolo 2** *s.m.* Medula ósea. (Ancares2).
5540 **mola** *s.f.* Medula ósea. (Arcos).
5541 **tutano** *s.m.* Medula ósea. (Ctel2).
5542 **túrano** *s.m.* Ver TUTANO /5541. (ERG, Ram.).
5543 ***canilla 3** *s.f.* Ver CANA DO ÓSO /5545. (Gui.).
5544 ***caña** *s.f.* Ver CANA DO ÓSO /5545. (Com1, Fri., Goián, Gui., Marín).
5545 **cana do óso** *s.comp.f.* Medula ósea propia dos ósos longos, moi rica en graxa. En Xun2 é a cavidade do óso. Así está rexistrado no *Glosario de voces galegas de hoxe*. Sorprende, se ben non é anormal, que se denomine o contido (medula) mediante o continente (óso en forma de cana). (Caa., Cab., Vala).
5546 **miola'l'oso** *s.comp.f.* Medula ósea. "La designación *miolo* y *miola* vale tanto para el cerebro ('sesos'), como para el tuétano de los huesos, y así, en Ancares se llama a éste *a miola'l'oso* (*túrano*s en Andiñuela)". (Ancares2:101).

6.4. Os miúdos e os subprodutos

6.4.1. Os miúdos

Xa explicamos como, na preparación e formación da canal, se obtiña a carne, por un lado, e os despoxos, por outro. Dentro dos despoxos separaremos agora as vísceras comestibles, de gran importancia económica e alimenticia, tanto que, buscando unha equivalencia coa propia carne, deron lugar á denominación de *quinto cuarto* da canal.

O valor nutritivo –e o económico- é moi variable segundo a víscera que se considere, pero en xeral destacan pola achega de vitaminas e minerais, á parte de consideracións gastronómicas que non podemos esquecer.

Coñecidos na cortadoría coa denominación colectiva de *miúdos*, clasifícanse tradicionalmente en *brancos* e *vermellos*

Hipólito de Sa Bravo conta un enfrontamento bélico no século XV entre galegos e portugueses onda o castelo do Sobroso. Nos desafíos previos ó ataque, os galegos aldraxan os portugueses chamándolles *sebosos, cabrones, que no eran buenos sino para comer bofes de vaca*. A aldraxe implica a escasa consideración culinaria desta víscera (HSB: 378).

5547 **malcociñado 1** *s.m.* Miúdos das reses. (ERG).

5548 **miúdos 1** *s.m.pl.* Conxunto das vísceras comestibles dunha res. É posible que *caídas* e *miudanzas*, que designan o conxunto das vísceras dun animal extraídas na preparación da canal, teñan tamén esta mesma aplicación pero non podemos aseguralo. (Común).

5549 **carne do sábado** *s.comp.m.* Vísceras e outras partes non musculares da canal que "antiguamente era permitido comer ese dia". Tamén en castelán *carne de sábado* designa os "extremos, despojos y grosura de los animales, que se permitía comer en este día" (DRAE). (ERG).

6.4.1.1. Os miúdos brancos

Constituídos polos miolos, fociños, mans, ventre ou callos, testículos e **molexa*, caracterízanse pola súa cor branca derivada da riqueza en tecido conxuntivo ou tecido muscular liso.

As denominacións destas vísceras na cortadoría son as mesmas que xa indicamos para designa-los órganos correspondentes no capítulo 5. *Anatomía*, ó que remitimos ó lector. Para os testículos e o timo como pezas de cortadoría non demos encontrado nome galego en uso e diferentes carniceiros informáronnos de que é tan inusual que un cliente pida algunha desas pezas, que ordinariamente xa quedan no matadoiro. E cando algún cliente as pide, adoita tratarse dun cliente non galego (mentan leoneses, madrileños ou arxentinos) que as necesitan para pratos de cociña non galega. Álvaro Cunqueiro di:

> *Coma en todas partes escóllense carnes para o cocido –xarrete, falda-, ou para fritir ou para asar, e cómese o fígado encebolado, ou os riles, a lingua estofada, os sesos pero non se xantan as "criadillas" nin se lles dá aprecio ás marzoas* [236] (ACu:110).

Estamos, polo tanto, ante unha peculiaridade etnolingüística: non hai uso, non hai nome galego. As referencias usadas son **molexa,* adaptación do castelán *molleja,* ou uso directo da palabra castelá *criadilla,* que é o que algunha vez se ve na carta dalgún restaurante[237]. Nótese, tamén, que en Galicia é raro encontra-lo que en Castela se chaman *casquerías*, é dicir, cortadorías nas que se venden os miúdos dos animais: *criadillas*, sesos, mans, tripas, ventre, fociños etc.

5549b **carnes brancas** *loc. s. pl.* Timo ou **molexa*. (PSon).

5549c **carnes mortas 2** *loc. s. pl.* Timo ou **molexa*. (Ver1).

5550 **man 3** *s.f.* Calquera das extremidades que, cortadas polo carpo ou tarso, escaldadas e peladas, véndense nas cortadorías. (ERG, Gro5).

5550b **miolos** *s.m.pl.* Masa encefálica, formada polo cerebro, o cerebelo e mailo bulbo. Crespo Pozo explica que "*Miolo* es el juicio; *miolos*, los sesos y, por extensión, el cerebro". (Común).

5551 **pata 5** *s.f.* Ver MAN 3 /5550. *Obxeto das puxas son as vísceras da res sacrificada, pero tamén o rabo, o ubre, a cachola e as patas* (Tebra2:18). (Gro5, Tebra2).

5551b **molexa** *s.f.* Timo. No *Glosario de voces galegas de hoxe* rexístranse nove variantes de *molexa* pero, pola forma en que aparecen definidas, non podemos asegurar que se refira á *molexa* dos bovinos e non á moega das aves. É sabido que esta glándula só existe nos animais novos e que resulta fundamental para o seu medrío e desenvolvemento inmunitario, atrofiándose en todos posteriormente. Como

[236] Cunqueiro utiliza a voz *marzoa* onde outros utilizan *morzoa, morzoca*, *morzoga*, *morzola, morizola*, *mourizola, molexa* ou *monezuela*, que en calquera caso refírense ó estómago das aves, que moen o gran. *Molexa* existe en galego pero como órgano do aparato dixestivo das aves.

[237] Como únicas excepcións coñecemos dúas receitas de autor: unha, no libro de Picadillo e outra do cociñeiro creativo Flavio Morganti que denomina *Testículos de touro bravo* e que el cualifica como *moi de Allariz* (FMor: 167-168). Nesas páxinas Flavio Morganti tamén dá noticia de que Fernando el Católico (1479-1516) era un toliño deste tipo de comida, de que o cociñeiro Bartolomé Scappi creou para o Papa Pío V (1566-1572) a receita dos *Folladiños con guisado de testículos de touro* e de que nas Montañas Rocosas, polo visto, dende hai 25 anos hai mesmo unha festa dos testículos de touro, localidade que, por certo, chámase Clinton e ten páxina na internet (www.testyfesty.com).

os únicos animais que se sacrifican novos son os becerros, a única *molexa* que se aproveita para comida é a dos becerros. Tamén cómpre lembrar que a moega das aves nada ten que ver con esta *molexa*, xa que aquela é un dos órganos característicos do aparato dixestivo das aves granívoras. As variantes que rexistra o *Glosario* son *moega* (Com1, Sob.), *moella* (Mel1, Ram.), *moelle* (Mra.), *moiega* (Caa., Cab.), *mola* (Dum.), *muega* (Cod., Com1, Sob.), *muela* (Goián, Gro1, Oirós), *muella* (Nove.) e *muelle* (Cal., San., Ver1). (Cam1, ERG, Gro3).

5551c ***sesos** *s.m.pl.* Miolos. Denominación de cortadoría. (Com1, Cur., ERG, Gro1, Gud., Incio, Laxe, Razo).

Da vaca fraca, a língoa e a pata. (VLLM:1,139) [238]

O pai que a súa filla quixer casar, déalle o cenfollas a lavar. (XMSH:71; ERG:cenfollas) [239]

O que á súa filla queira casar, díalle un cenzafollo a lavar. (VS) [240]

Quen a súa filla quixer casar, déalle o centofollas/ centifollo a lavar. (ER:129; XMSM:33; XSL:32; MVN:111; MVN2:101; XTC4) [241]

6.4.1.2. Os miúdos vermellos

Son o fígado, corazón, riles, lingua, sangue e cabeza. Caracterízanse pola cor vermella que presentan ó seren ricos en sangue ou tecido muscular estriado.

Como dixemos no apartado anterior, nas epígrafes correspondentes do capítulo 5.*Anatomía* poden atoparse as denominacións populares destas vísceras.

5552 **cachola** *s.f.* Cabeza (entendida como da res sacrificada). *Obxeto das puxas son as vísceras da res sacrificada, pero tamén o rabo, o ubre, a cachola e as patas*. (Tebra2:18).

Da vaca fraca, a língoa e a pata. (VLLM:1,139) [242]

6.4.1.3. O sebo

Tamén chamado, nalgúns casos, *manteiga*, é o produto graxo, sólido e duro, obtido por fusión do mesenterio e outros depósitos graxos situados nos riles, corazón, ósos, etc., solidificado posteriormente. Adoita reservarse o nome de *manteiga* ou *pingo* ó procedente do porco [243] e o de *sebo* ó procedente do gando vacún, máis untuoso e dunha cor cremosa agrisada nos animais novos e amarela nos adultos. A procedente da vitela utilízase en repostería e outros usos industriais.

5569 **gordo 1** *s.m.* Sebo do corpo animal. (ERG).

5570 **graxa** *s.f.* Manteiga ou sebo dos animais. (ERG).

5571 **manteiga 2** *s.f.* Sebo do gando vacún ou doutros animais herbívoros. ERG aplícao maiormente ó pingo do porco. (CP).

5572 **radallo** *s.m.* Sebo, graxa dura e sólida que se tira do carneiro, gando vacún e outros animais. (ERGa, LCA2, XLFG).

5573 **sebo 1** *s.m.* Graxa sólida e dura que se obtén dos animais herbívoros. O produto semellante, obtido dos depósitos graxos do porco, recibe normalmente os nomes de *pingo* ou *unto*. (Cab., Com1, Cur., Dum., Razo, Tebra2, XER).

---

[238] Llópiz recólleo de Marcellán (Ferrol 1870).

[239] ERG: *á sua*. O cenfollas, libro ou salterio, tecnicamente, omaso, chámase así polas láminas que proxecta cara ó interior do órgano, a modo das follas dun libro. Utilízase xunto a outras vísceras para a elaboración dos callos e caracterízase pola dificultade que ten o seu lavado e limpeza pois hai que ir separando as follas unha a unha para elimina-los restos alimenticios que nel se atopan.

[240] VS: *qu'a*. Saco explica que é así porque *No es fácil lavar*.

[241] No texto: *Quèn á sua, quixèr, dell'o, á lavar* (MVN); *Quén á sua, quixér, dell'o céntofollas* [sic] *á lavar* (MVN2); *sua, cento-follas* (XTC4); *Quén* (XMSM).

[242] Llópiz recólleo de Marcellán (Ferrol 1870).

[243] Non confundir co touciño, que é un depósito graxo do tecido celular subcutáneo.

6.4.2. Os subprodutos

Quédanos, finalmente, unha vez aproveitada para o consumo a carne e as vísceras ou despoxos comestibles, un amplo conxunto de elementos que non poden ser destinados ó consumo humano por razóns sanitarias ou comerciais: os denominados subprodutos. Interésanos, ós efectos deste libro, unicamente o coiro. Pero cómpre lembrar que tamén forman parte deste concepto os cornos, pezuños, sangue, algúns órganos non comestibles (os ollos, o ubre ou certas glándulas), o contido intestinal etc., que poden ser aproveitados para algún outro uso farmacéutico ou industrial ou como materia prima para a fabricación de alimentos para animais de compañía, ou destinados á peletería ou que viven en parques zoolóxicos.

Os animais declarados pola inspección como non aptos para consumo humano ou as partes e órganos comisados durante a inspección tamén se consideran subprodutos e o seu destino é, normalmente, a destrución, aínda que, dependendo da razón da categorización ou do comiso, poden ter un aproveitamento secundario [244].

6.4.2.1. O coiro

A pel do bovino morto non é comestible pola pelamia que a recobre. Se se deixa estar, apodrece; pero se se curte, non só non apodrece senón que se converte en imputrescible e resulta enormemente útil para outros usos. O axente básico do curtido é o tanino. Co tanino están relacionadas as voces *tanoira* e *tenería.*

Agora recollémo-las voces que designan a conversión da pel en coiro e máis en diante (6.6.7.6.) explicarémo-lo proceso de elaboración tradicional do coiro e unha mínima descrición do que foi esta industria semiartesanal.

5553 **becerro 2** *s.m.* Pel de becerro curtida e lista para varios usos, principalmente calzado. (ERG).

5554 **cea** *s.f.* Clase especial de coiro curtido, moi flexible e resistente. (Lemos2).

5555 **coirallada** *s.f. desp.* Conxunto de coiros, especialmente verdes. (Xun2).

5556 **coirame** *s.f.* Conxunto de coiros dos animais, curtidos ou sen curtir. (ERG).

5557 **coiranza** *s.f.* Ver COIRAME /5556. (ERG).

5558 **coiro 1** *s.m.* Pel dos bovinos despois de curtida. (Común).

5559 **colambre** *s.m./f.* Coiro e pelo das reses. *A vaca é de bon colambre*. Aníbal Otero dálle xénero masculino e máis raramente feminino. ERG non o especifica. (ERG, Piquín).

5560 **cortidos** *s.m.pl.* Coiros elaborados para se conservaren sen pudrirse. ERG di literalmente *f. pl.*: coidamos que é errata. (ERG).

5561 **pelame** *s.m.* Conxunto de pelexos ós que lles quitan o pelo. Tamén, o propio pelo que os cortidores arrincan das peles. Para LG é o pelo dos animais. (ERG, LG).

5562 **pelexo 1** *s.m.* Coiro do gando sacrificado. (Cab., Com1, Dum., Feás-A, Goián, Ram., Toba, Vala., Xun.).

5563 **sola 1** *s.f.* Coiro de boi curtido. (ERG).

5564 **vaca 3** *s.f.* Coiro de vaca, despois de curtida. (ERG).

5565 **vacariz** *s.m.* Coiro curtido de boi ou vaca. É posible que esta voz non proceda do uso real senón dunha mala lectura de VITERBO s.v. *vacarís*, tomando por sing. o que en port. antigo era pl.; e como subst. o que era adxectivo. Isto é o que no XVIII daba xa como desaparecido VITERBO: *VACARÍS. Nos foraes d'El-Rei D. Manuel he de grande uso esta palavra. No de S. Fins de Paiva de 1513, ha um titulo que diz assim*: *Vacaris, que são coiros de bois, e vacas. E depois*: *E outro tanto da carga dos coiros vacaris*. *Doc. das Salzedas*. LF escribe *vacaríz*. (CP, ERG, LF, LCA1).

5566 **vaqueta** *s.f.* Coiro de becerro, xa curtido. (ERG).

5567 **vitela 4** *s.f.* Pel de vaca ou becerra, adobada e moi pulida, en particular a que serve para pintar ou escribir nela. (ERG).

5568 **botas de becerro** *s.comp.m.* Calzado de coiro de becerro adubado que, para que durase, tíñase durante un ano colgado e untado con sebo ou unto. (Parade.).

De vacas e xatos van os coiros ó mercado. (VLLM:1,140) [245]

Dos xatos e das vacas van os coiros ás prazas. (VLLM:1,140) [246]

En Fazouro venden a carne e comen o coiro. (TCha:81) [247]

---

[244] Os subprodutos obtidos nos matadoiros ou industrias cárnicas clasifícanse en tres categorías segundo a súa orixe e o risco sanitario que presenten, e poden ter distintos destinos: destrución mediante incineración, transformación en material inerte, estercado, plantas de biogás, alimentación de animais de compañía, usos industriais, etc.

[245] Recólleo no Páramo (Sarria). Cita coincidencia coa colección de Pedro Vallés: *De becerros y vacas van los pellejos a las plazas*.

[246] Llópiz recólleo en Malvas (Tui) de J. García González.

[247] Fazouro: parroquia do Valadouro, concello de Foz. Se Fazouro, en cambio, estivese na área dialectal tudense, rimaría con *couro*.

Na fábrica de Furelos hai tantos coiros novos coma vellos. (VS4) [248]
No curtidoiro hai máis coiros novos que vellos. (VS4: Sober)
Nos fornos e lavadoiros adúbanse os coiros. (VLLM3; Alla3; XSL:53; ANV1:74; ZM:159) [249]
Pra adondar os coiros, os fornos e os lavadoiros. (ERG:adondar; ZM:195) [250]
Un no coiro i outro no lavadoiro. (XTC4) [251]
O coiro e o queixo, mercalo ó peso. (ERG:mercar) [252]
Se queres ser rico, calza de vaca e viste de fino. (ERG:rico) [253]
Valen máis coiros en marzo ca carne en maio. (Antas4) [254]

Escurrín, caín de xonllos,
escurrín, caín de xonllos,
fun bater coa cabeza
onde teu pai curte os coiros. [255]

Pantalón de pel de ovella,
chaleco de pel de boi,
gorra blanca na cabeza
é o estilo de Caroi. [256]

Camiño e non teño pés
e camiñando agonío;
eles sacáronme a vida
pro eu a moitos martirizo. [257]

O que era vivo
agora é morto,
e anda co vivo
dentro do corpo. [258]

Tivo carne
e quedou sen ela;
leva carne
e carne o leva. [259]

Tres meses novos,
tres meses vellos,
tres meses remendois
e tres meses
agardando por outros bois. [260]

6.5. O leite e os derivados lácteos

6.5.1. O leite

O leite é a secreción das glándulas mamarias das femias dos animais mamíferos, iniciada despois do parto e destinada á alimentación das súas crías nos primeiros meses de vida. Constitúe o carácter definitorio da orde dos mamíferos.

Aproveitouse como alimento humano, tanto o da vaca coma o doutras especies domésticas, desde tempos moi remotos debido ás súas excelentes propiedades nutritivas e fácil asimilación.

Trátase basicamente dunha emulsión de graxa en auga pero contén ademais numerosos elementos en disolución: proteínas, lactosa (á que lle debe ó sabor doce característico), minerais e vitaminas. Esta emulsión é inestable e, cando o leite se mantén en repouso, os glóbulos de graxa aglutínanse e ascenden á superficie, formando a nata ou tona. Para evitar esta separación, a industria somete o leite a un proceso de homoxeneización que reduce o tamaño dos glóbulos de graxa e impide a súa aglutinación.

---

[248] VS4 explica: *La muerte no escoge*.
[249] XSL: *adóbanse*.
[250] No texto: *i* (ZM). Realmente, Zamora Mosquera escribe *adourar*, que supoñemos erro.
[251] No texto: *y-outro*.
[252] ERG: *i o queixo*.
[253] A E. Espasa comenta que *aconseja preferir los géneros de mejor calidad por ser de más duración*.
[254] Refírese a que o mes de maio é moi rico e hai máis que comer nese mes.
[255] JPBIII:155.45, VLQ2:337. No texto: *co'a* (JPB); *escurrin, cain, co-a cabeza* (VLQ2).
[256] Lama2:52.
[257] O zapato. PM:155.
[258] O zapato. PM:690. JASA:216 recolle unha variante pero en castelán: *Una casa bien formada/de pellejos de animales,/cinco hermanos tiene dentro/y ninguno son iguales*.
[259] O zapato. PM:1003.
[260] Os zapatos. PM:1015, APG:121: no texto: *remendóis*,. APG recolle a variante *esperando*.

Aínda que se trata dun alimento dos máis completos que existen na natureza, demasiadas veces foi sobrevalorado ó comparalo co papel que cumpre na alimentación nas primeiras idades. O papel nutritivo do leite consiste en forma-los tecidos e, sobre todo nas primeiras etapas da vida, constitúe o elemento fundamental na formación do esqueleto. Destaca polo seu contido en calcio (uns 120 mg/100 ml) e proteínas animais de gran valor biolóxico (maiormente, caseína de alta dixestibilidade (95-98%). A graxa do leite está formada principalmente por ácidos graxos saturados, polo que o seu consumo, así como o dos derivados lácteos, está desaconsellado para aquelas persoas deben controla-lo seu nivel de colesterol (que han tomar leite desnatado). O leite é particularmente rico en vitamina B2 e en vitaminas A e D, pero pobre en vitamina C. O leite enteiro achega unhas 630 kcal por litro.

Aínda non hai tantos anos tíñase por leite da máxima pureza o leite tomado ó saír morno do ubre da vaca. Inicialmente valorábase só a densidade e a porcentaxe de graxa como indicador de calidade pero hoxe son outros os parámetros que se teñen en conta á hora de avalia-la calidade do leite [261]:

Calidade do leite							
	Graxa (% peso)	Proteína (% peso)	Ext. Sec. Magro (% peso)	Lactosa (% peso)	Bacterias x 1.000 / ml	Células x 1.000 / ml	Punto crioscópico
2004	3,87	3,13	8,52	4,66	42	283	525,39

▸ Fonte: *Anuario de Estatística Agraria 2004.* 4. Subsector gandeiro, 132, Consellería do Medio Rural. 2004.

Os gandeiros van progresivamente axeitándose á disciplina que impón o mercado e, desde que en 1977 a Xunta de Galicia creou o programa de Control Leiteiro [262] multiplicouse o número de explotacións que voluntariamente someten o seu leite a control de calidade, para poderen vender un leite certificado. Véxase o seguinte cadro.

Explotacións en control leiteiro. Serie histórica					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
1993	757	982	35	224	1.998
1994	819	1.299	43	343	2.504
1995	922	1.481	43	387	2.833
1996	1.133	1.664	47	498	3.342
1997	1.208	1.818	45	563	3.634
1998	1.283	2.014	43	646	3.986
1999	1.316	2.199	44	703	4.262
2000	1.393	2.421	45	803	4.662
2001	1.402	2.426	42	777	4.647
2002	1.411	2.390	41	766	4.608
2003	1.381	2.347	40	768	4.536
2004	1.392	2.397	39	767	4.595

▸ Fonte: *Anuario de Estatística Agraria 2004.* 4. Subsector gandeiro, 145, Consellería do Medio Rural. 2004.

Lamentablemente, un produto natural tan beneficioso para o organismo humano non sempre foi de consumo habitual por parte daqueles aldeáns que dedicaban boa parte da súa vida a coida-lo animal que o producía. Coma no caso das becerras novas, o leite, en moitos casos, era o produto de máis doada venda diaria

[261] A cantidade de graxa obriga a industria a normaliza-lo leite, engadindo graxa ou leite en po ou retirando o exceso de graxa. A riqueza en proteínas influirá no seu rendemento na industria láctea. Cifras altas de flora bacteriana indican, normalmente, deficientes condicións de hixiene na muxidura ou na manipulación posterior do leite. O reconto de células somáticas (fundamentalmente leucocitos ou glóbulos brancos, xunto a unha pequena cantidade –sobre un 1-2%- de células procedentes da descamación dos epitelios da glándula mamaria) pon de manifesto unha posible infección do ubre. Estas células de defensa, presentes habitualmente en cantidades de menos de 100.000 células/ml en vacas sas, ven incrementado o seu número no caso dunha mamite: cifras de ata 200.000 serían admisibles pero por riba de 400.000 indican xa a existencia dunha mamite subclínica. A lexislación actual non permite recolle-lo leite que supere esta cifra. Ademais de ser un indicador directo dunha mamite subclínica, un reconto elevado de células somáticas implica a presenza de altos niveis de certos enzimas, lipase e plasmina, que afectan negativamente ó aproveitamento industrial do leite, reducindo o rendemento queixeiro e diminuíndo a vida comercial do leite. O punto crioscópico é a temperatura de conxelación do leite e exprésase en milésimas de grao centígrado (é dicir, uns -0,52ºC, máximo legal): se aumenta cara os 0ºC, pódese sospeitar adición de auga. Outras esixencias legais son un peso igual ou superior a 1.028 gramos por litro no leite enteiro a 20 ºC, un mínimo de 28 gramos de materia proteica por litro, e un extracto seco magro igual ou superior a 85 gramos por litro.

[262] Véxase http://www.xunta.es/conselle/ag/coleite/index.htm [24.09.2009].

e, en consecuencia, o que se destinaba a conseguir unhas moedas necesarias para adquirir outros produtos ós que a economía autárquica non daba chegado.

O que para moitos rapaces e mozos de hoxe é o leite, edulcorado con derivados do cacao, era ata mediados do século pasado o caldo con algo de broa.

Acáenlle aquí uns versos de sensibilidade propia de Castelao, pero que os escribiu outro arousán, Ramón María del Valle Inclán. Son os versos 22-27 dun poema titulado "Cantiga de vellas", quizais o único que Valle Inclán escribiu en galego e que podemos ler íntegro na revista *Galicia* do Centro Galego de Montevideo [263].

O leite da [264] vaca mercan os veciños:
un rapás moi novo que se doe do peito,
a ama [265] do crego para seus touciños
e a moza pra un vello que lle escofa o leito;
pra vender o leite da vaca marela,
elas toman solo augas de malvela.

6.5.1.1. Produción de leite en Galicia

Segundo os datos que ofrece TerGal-MPG, o volume da produción de leite en Galicia é variable pero sempre por riba dun nivel mínimo que no conxunto de España é porcentualmente alto, xa que dende que hai datos facilmente accesibles sempre está por riba do 30% da produción española total.

Se en 1956 Galicia producía unhas 750.000 toneladas, en 1975 elevou esa produción a case 1.300.000; en 1986 superou o 1.500.000; e no 2000 achegouse a 2.200.000 toneladas. Neste último ano o conxunto de España producía 6.100.000 toneladas.

Produción de leite (miles de litros). Serie histórica										
	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2006
A Coruña	930.950	902.127	905.556	923.102	971.779	1.030.157	1.014.861	945.244	956.199	870.318
Lugo	912.193	928.086	929.614	949.576	908.849	983.098	1.000.834	978.377	958.395	971.931
Ourense	51.088	50.628	50.642	43.976	39.232	30.178	30.257	30.271	26.737	21.253
Pontevedra	243.093	241.371	242.274	252.563	261.279	270.986	268.099	267.659	227.659	236.008
GALICIA	**2.137.324**	**2.122.212**	**2.128.086**	**2.169.217**	**2.181.139**	**2.314.419**	**2.314.051**	**2.221.551**	**2.168.990**	**2.099.511**

▸ Fontes: *Anuario de Estatística Agraria 2004.* 4. Subsector gandeiro, 132, Consellería do Medio Rural. 2004.
IGE: *Galicia en cifras. Anuario 2007*; p. 115.

Simultaneamente, entre 1975 e 2000 Galicia pasou de produci-lo 26% do total español a produci-lo 36%; mentres que o resto da cornixa cantábrica baixou do 28% ó 23%, Cataluña pasou do 7% ó 10% e Castela-León mantívose no 14%.

Con todo, queremos matizar dúas cousas: unha, que no último decenio parece observarse un estancamento na cifra de 2.100.000 de toneladas de leite cun pico no ano 2001; outra, que nestes últimos corenta anos en Galicia a vaca deixou de ser animal de tiro, dedicándose exclusivamente a producir ou carne ou leite, e isto con mellor alimentación, máis selección e máis sanidade; de xeito que é lóxico que esta concentración de obxectivos aumentase a produción.

Os datos históricos anteriores deixan á vista que o progresivo aumento da produción deste alimento básico quedou truncado en Galicia polo estancamento da produción láctea que impuxo a U.E. A intervención pública neste mercado provoca desaxustes que se veñen saldando con multas por exceso de produción. A reacción dos produtores é tridireccional. Por unha parte, o cerco económico provoca que un sector dos produtores abandone a produción. Da importancia desta redución de explotacións gandeiras falaremos na

[263] RMVI. Tamén o reproducen a antoloxía de Fernández del Riego (pp. 219-220) e maila *Antología de Aniversario* feita por Follas Novas no 2001 (pp. 32-33).
[264] No texto: *d'a.* Tamén no resto do texto: *d'o peito*, *d'o crego*, *d'a vaca marela*.
[265] No texto: *a y-ama.*

epígrafe 9.1.4. Noutros casos, a reacción é a contraria: esforzarse aínda máis economicamente para merca-la cota de produción que outros abandonaron, aumentando non só a produción de leite senón tamén o número de vacas (nisto as novas xeracións son as máis activas). E, nalgúns casos excepcionais, aparece a venda clandestina de certas cantidades de leite (o chamado *leite negro*) que é noticia recorrente cada poucos meses nos medios de comunicación.

Falando da produción de leite en Galicia, presta le-los textos *Os froitos da vaca sagrada* que escribiu Miguel-Anxo Murado (16.1).

6.5.1.2. A cota leiteira e o leite negro

Algúns episodios de cando os gandeiros galegos ousaron ser empresarios europeos

O sistema de cota leiteira é unha política comunitaria de control da produción láctea pola que se asigna a cada país membro unha determinada cantidade máxima de leite que pode producir–chamada *cantidade de referencia*-, e que despois cada país trasladará a cada produtor. Estas cotas establécense por campañas, pechadas a 31 de marzo de cada ano.

En 1968, a Comunidade Europea, formada daquela por seis membros, estableceu unha serie de medidas intervencionistas dirixidas a potencia-la produción de leite dos seus gandeiros asegurando a compra de todo o leite producido. Esta garantía de compra propiciou un desequilibrio entre a produción e o consumo, desequilibrio que se solucionou mediante o almacenamento dos excedentes en forma de leite en po ou manteiga pero pronto esta situación chegou a ser inasumible para os fondos europeos. Así, a partir de 1979 comezouse a lexislar en sentido contrario, incentivando a conversión do gando leiteiro en cárnico e creando unha taxa de corresponsabilidade en función do leite producido por cada país membro. Aínda así, estas medidas demostráronse insuficientes e as cantidades almacenadas seguiron aumentando, polo que en 1984 se creou o sistema de cotas que fixaba a cantidade máxima que cada país podía poñer no mercado, penalizando cunha taxa, coñecida popularmente como *supertaxa*, o exceso de produción.

Cando España ingresou na Unión Europea, en 1986, concedéuselle unha cantidade de referencia de 5.400.000 toneladas por campaña (establecida en función do leite comercializado en 1983), cantidade que se estimou inferior en máis dun millón de toneladas respecto á produción real e que despertou as queixas unánimes do sector. Entre outros argumentos, este considerábase prexudicado na negociación con Europa a costa dun trato de favor á produción de aceite, viño e outros produtos hortofrutícolas. A maiores, a cota concedida era inferior en case dous millóns de toneladas respecto da demanda do mercado interno, o que abría as portas ós excedentes de leite doutros países europeos [266].

Naquel primeiro reparto, a Galicia correspondéronlle 1.150.000 toneladas, o 21,30% da cota leiteira nacional (5.400.000 toneladas), e o rexeitamento callou na formación dunha plataforma en defensa do sector lácteo formada por gandeiros e industrias leiteiras e apoiada pola propia Xunta de Galicia [267]. Aínda que a cota leiteira adxudicada a España –e, por conseguinte, a Galicia- aumentou nos anos sucesivos, o exceso de produción foi inevitable e, cando a partir da campaña 1993-1994 entrou en funcionamento o sistema de cotas e taxas, Galicia tivo que afronta-lo pago da *supertaxa* un ano si e outro tamén [268]. Á par que subía a

[266] O desfase entre a cota asignada a España e as súas cifras de consumo sempre foi notable, mentres que outros países, como Alemaña e Francia, dispuñan de cotas superiores ó seu consumo. En 2006 estimábase que, de axusta-la cota ó consumo interno de cada país, a España corresponderíanlle case 13 millóns de toneladas anuais, máis do dobre dos 6 millóns longos adxudicados. Simultaneamente, outros países grandes produtores de leite, como Alemaña, Francia ou os Países Baixos deberían ver reducida a súa cota. En 2008, a diferenza entre a cota de produción adxudicada a España e o consumo era de case 3 millóns de toneladas, ó alcanzarse un consumo interno duns 9 millóns. España fixo sucesivas reordenacións deste sector: entre outros o Real Decreto 1888/1991, que estableceu un programa de ordenación do sector do leite e dos produtos lácteos, e o Real Decreto 347/2003, que regula o sistema de xestión de cota leiteira (BOE 25.03.2003) [http://www.boe.es/aeboe/consultas/bases_datos/doc.php?coleccion=iberlex&id=2003/05956] [15.02.2010].

[267] Xa en 1984, cando aínda se estaban negociando as condicións do ingreso de España, unhas Xornadas Técnicas "Galiza-CE" advertían dos posibles efectos negativos e, nas súas conclusións, podemos ler que: *a adhesión española á C.E.E. sería claramente negativa para os intereses do sector agrario galego, particularmente para o vacún de leite, que vería limitado o seu potencial de crecemento, imprescindíbel para saír do subdesenrolo*. E engadía que, *se criterios de índole política decidisen a adhesión, os responsábeis desta decisión deberían asumir os principios de solidariedade, tanto nas negociacións coma na política agraria.* [...] *Dado que Galiza debe calificarse como Rexión Desfavorecida non se poderán establecer limitacións ao seu desenvolvemento, e concretamente para o sector lácteo* (CCR:41). Véxase tamén MLPI3.

[268] O exceso da produción de leite en Galicia foi de 163 toneladas na campaña 1993-1994, de 285 toneladas en 1995-1996 e de 325 toneladas en 1998-1999. O IGAPE fixose cargo da supertaxa ata a campaña 1995-1996, pero a partir desa data comezouse a cobrarlla ós gandeiros. Só na campaña 2004-2005 Galicia tivo que afrontar unha multa de 8,7 millóns de euros por este concepto. Ora ben, o exceso de produción non foi un problema só para os galegos: na campaña 2008-2009 foron cinco os países que rebasaron a cota adxudicada (Austria, Chipre, Italia, Luxemburgo e Países Baixos), polo que foron penalizados cunha taxa de 99 millóns de euros.

cota asignada a España (5.566.950 toneladas en 1992, 6.116.950 a partir de 2001) subía a galega cuantitativa e porcentualmente: 1.556.000 toneladas en 1992 (o 27,95% da produción nacional) e 1.821.800 en 2001 (o 29,94%).

Unha das consecuencias máis evidentes desta limitación na produción de leite foi o descenso continuado na cifra de explotacións leiteiras. De feito, as Administracións públicas subvencionaron o abandono da actividade. Na mesma liña actuou o feito de que as grandes explotacións, no tramo de producións superiores ós 200.000 quilogramos anuais, comezaran a adquirir cota láctea para poderen cubrir toda a súa produción, en detrimento das pequenas explotacións [269], o que está conducindo a gandería a un modelo cada vez máis intensivo (gandería sen terra), co conseguinte aumento de gastos na súa alimentación.

O leite negro e o horizonte escuro

Outra consecuencia desfavorable para o sector foi a comercialización do excedente de leite fóra dos circuítos comerciais declarados, o que se deu en chamar ***leite negro***, ó que se responsabiliza, parcialmente, do descenso progresivo no prezo do leite en orixe. O volume deste *leite negro* é malo de cuantificar pero andaba polas 450.000 toneladas en 2003, un 25% máis cá cota asignada nese momento (no total do Estado, o exceso de produción era de 2,7 millóns de toneladas). *Galicia Hoxe* recollía o 8.11.2003 que o sindicato Xóvenes Agricultores cifraba nun 75% os gandeiros que recoñecían vender *leite negro*.

A isto haille que sumar que en 2009 as grandes superficies de distribución de alimentos (as máis delas en mans francesas) trouxeron ó mercado inxentes cantidades de leite foráneo a prezos tan baixos, que os produtores galegos vense forzados a manifestarse con enormes tractoradas, dando leite gratis, tirando leite e, en calquera caso, tendo que agradecer que as empresas comercializadoras llelo recollan. Á vez que a renda agraria caía en picado (un 50% entre 1990 e 2009), a marxe comercial das empresas distribuidoras de produtos agrícolas aumentaba nun 537% de media no mesmo período [270].

Entre unhas cousas e outras, a produción de leite en Galicia na campaña 2008-2009 foi de 2.223.012 toneladas, un 1,13% menos que na campaña anterior, rompendo así a tendencia ascendente que se mantiña constante ata entón.

En calquera caso, este sistema de control da produción de leite, intervencionista e asimétrico, parece te-los días contados, porque está previsto que desapareza a partir de marzo de 2015. O Consello de Ministros de Agricultura da Unión acordou en 2006 que "*Las cuotas no son adecuadas y deben terminar*" (Oulu, Finlandia, 24.09.2006). Nese ano alcanzarase a completa liberalización do mercado previa aplicación de certas medidas que buscan o que chaman unha "aterraxe suave". Esta decisión tamén foi recibida negativamente polo sector gandeiro leiteiro que ve periga-los investimentos realizados nos últimos anos para poder medrar comprando dereitos de cota e para tecnificarse e reducir así os gastos de explotación. A liberalización do mercado conlevará un aumento da produción europea, calculado nun 5%, e témese que cause un descenso equivalente nos prezos pagados ó produtor, ademais de provocar que se disparen aínda máis as entradas de leite foráneo.

Non é doado xestionar este problema comercial europeo.

Non é a etnolingüística quen pode facer unha descrición tecnicamente correcta da conxuntura económica do sector do leite no momento de pechar este libro. Pero é imposible, en decembro de 2009, negar que moitos gandeiros se queixan de que o prezo que lles pagan polo leite en certos casos é inferior ós custos de produción; que continua o peche de explotacións; que os medios de comunicación informan de vertidos de leite nas estradas e dalgún acto vandálico nos hipermercados; mesmo da aparición de grupos de acción á marxe dos sindicatos lexitimados polas eleccións. Algo está pasando no sector leiteiro galego e non é precisamente un momento feliz.

---

[269] Así, o número de explotacións con cotas inferiores a 75.000 quilos anuais descendeu nun 48,21%, dende cifras de 28.991 en 1999 a 15.014 en 2003 (á vez que a súa produción descendía nun 38,43%, dende as 701.302 toneladas, en total, ás 431.813). No mesmo período de tempo, o número de explotacións con cota superior a 200.000 quilos aumentou nun 123,03%, desde as 838 ás 1.869, á vez que a súa produción aumentaba un 124%, desde as 263.806 ás 591.031 toneladas. Cómpre engadir que os criterios establecidos pola Política Agraria Común fixan en 15 vacas e 75.000 quilos o tamaño mínimo para que unha explotación se considere rendible e poida recibir cota. En 2004, a cota media en Galicia cifrábase en 92.800 quilos, fronte ós 154.000 quilos de media en España; en 2006 as cifras aumentaron a 134.359 e 210.355, respectivamente; e en 2008, de 158.000 e 240.000. A cota media da Europa dos 25 era de 88.335 quilos en 2004 e de 103.079 en 2006.

[270] *Xornal de Galicia* 22.11.2009.

Prezos do leite en Galicia, declarados polos compradores en 2009 (Euros/100 litros, sen IVE)											
Cota (kg/explotación)	**Xaneiro**	**Marzo**	**Abril**	**Maio**	**Xuño**	**Xullo**	**Agosto**	**Setembro**	**Outubro**	**Novembro**	**Decembro**
<=72.000	30,20	26,80	24,93	24,02	23,27	22,62	23,05	24,50	25,67	26,12	26,44
72.001-240.000	31,95	27,97	25,81	24,85	24,12	23,67	24,07	25,67	27,12	27,56	27,85
240.001-500.000	34,09	30,04	27,74	26,78	26,14	25,74	26,26	27,84	29,13	29,58	29,88
>500.001	35,31	31,28	28,91	28,10	27,55	27,17	27,84	29,27	30,33	30,79	31,08
Prezo medio ponderado	**33,22**	**29,18**	**26,97**	**26,06**	**25,45**	**25,05**	**25,56**	**27,13**	**28,45**	**28,90**	**29,21**

▸ Fonte: *Observatorio do Sector Lácteo.* Consellería do Medio Rural. http://mediorural.xunta.es/fileadmin/arquivos/gandaria/observatorio/estratos_declarados_decembro_2009.pdf

Este cadro amosa que o prezo do leite é maior canto maior é a cantidade entregada; pero tamén amosa que o prezo baixou case un 13% no ano 2009, sendo maior a baixada nas explotacións de máis de 500.000 litros.

Estes datos fan inviable a subsistencia de moitas explotacións que ano tras ano se ven obrigadas a pechar (como se verá en 9.1.4.) e, segundo o sindicato Xóvenes Agricultores, neste ano 2009 Galicia perdeu máis de 1.000 explotacións leiteiras [271]. A tendencia á desaparición de explotacións é constante, ata o punto de que empeza a ser posible que desapareza o problema da cota pola vía da ruína de numerosas familias galegas.

Se a xestión política non conseguir darlles futuro ós produtores de leite galego, Galicia terá un problema máis que sectorial: non só faltará ese labor diario de domesticación da vexetación senón que quedarán esmagadas as enerxías despregadas por milleiros de galegas e galegos que realizaron un inmenso esforzo económico, estrutural e cultural para transformaren a pequena explotación que herdaron dos seus pais en actividade empresarial europea. Non é doado encontrar parangón no mundo urbano galego. É tanta a enerxía e a intelixencia despregada, é tan sobranceira a xente implicada, que un fracaso sería unha frustración tan grande coma as grandes frustracións das que está lastrada a historia de Galicia e que explican o carácter galego.

Falando da cota leiteira, presta le-los textos *As cotas* e *No hipermercado europeo* que escribiu Miguel-Anxo Murado (16.1).

6.5.1.3. Formas de comercialización do leite

Véxase, antes de nada, o que diremos na epígrafe 6.6.7.1.; p. 503-504.

O reparto do leite producido distribúese así: o 90,35% destínase á venda e o 9,65% restante queda na propia explotación destinado a autoconsumo, ceba dos xatos e transformación na explotación.

Do total de leite que se vende, o 99,75% destínase á venda ás industrias como leite líquido (as estatísticas falan dun descenso do leite gordo e un progresivo aumento do consumo do desnatado [272]) e o restante 0,25% destínase á venda directa na propia explotación. Segundo datos do MARM referidos a 2008 [273], en España o consumo de leite líquido de vaca foi de 78,05 litros por habitante, e de 31,62 kg de derivados lácteos [274], fronte a 84,5 litros e 28,43 kg, respectivamente, en Galicia, referidos sempre ó consumo nos fogares. Digamos tamén que as fontes oficiais veñen constatando un descenso do consumo (98,1 litros en 2006).

---

[271] A crise que está vivindo o sector gandeiro no momento de pechar esta monografía é tan grave que tódolos datos ofrecidos tenden a ser pasado inactual: no 2009 pecharon máis de 1.000 explotacións producíndose a desaparición do problema da cota leiteira (*Xornal de Galicia* 16.2.2010; 20). A razón está no descenso imparable do prezo do leite, unido á subida do prezo dos alimentos e dos servizos necesarios para sacar adiante unha explotación leiteira. O Observatorio da Consellería do Medio Rural informaba de que o prezo do leite no ano 2009 pasou de 0,332 € a 0,292.

[272] O reparto entre os tres tipos de leite, en 2008, foi o seguinte: 33,59% de leite gordo, 39,31% de leite semidesnatado e 27,10% de leite desnatado.

[273] Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino [http://www.mapa.es/es/alimentacion/pags/consumo/BD/resultado1.asp 19.11.2009].

[274] Entre os que podemos destacar 14,74 kg de leites fermentados (fundamentalmente, iogur) e 6,43 kg de queixo.

Produción de leite no ano 2004: Distribución provincial en miles de litros						
Destino		A Coruña	Ourense	Lugo	Pontevedra	GALICIA
Leite consumido ou transformado na explotación	Alimentación animal	25.434	39.700	1.077	9.050	75.261
	Consumo familiar	21.800	19.200	4.850	8.200	54.050
	Manteiga	6.473	3.890	550	1.050	11.963
	Queixo	37.900	27.100	1.710	1.280	67.990
	Total	91.607	89.890	8.187	19.580	209.264
Leite comercializado	Venda directa	1.765	1.325	650	1.100	4.840
	Venda industrial	862.827	867.180	17.900	206.979	1.954.886
	Total	864.592	868.505	18.550	208.079	1.959.726
Produción total		956.199	958.395	26.737	227.659	2.168.990

▸ Fonte: *Anuario de Estatística Agraria 2004*. 4. Subsector gandeiro, 131, Consellería do Medio Rural. 2004.

Salvo cantidades que hoxe xa se poden cualificar de anecdóticas, o leite ponse á venda despois de ser sometido a diferentes tratamentos de hixienización ou transformación, baixo distintas denominacións que refiren o tratamento recibido ou algunha característica definitoria. Canto ó sistema de conservación do leite líquido envasado, o leite esterilizado ou *UHT (Ultra hight Temperature)* é aquel que foi sometido a un tratamento térmico que permite unha conservación superior a tres meses: isto conséguese quentando o leite a 130º durante dous segundos, proceso que destrúe tódolos microorganismos e as formas de resistencia (esporas). Tamén se chama *leite uperizado* ou popularmente *leite de cartón*. Actualmente representa a forma abrumadoramente máis común de presentación do leite no mercado, con cifras do 97%. O leite *pasteurizado* obtense sometendo o leite a 62º- 65º durante 30 minutos ou 70-75º durante 15 segundos: estas temperaturas conseguen neses tempos a destrución da flora bacteriana viva pero non das esporas, polo que precisa conservarse refrixerado e cun período de caducidade de tres días; o seu consumo ronda só o 1,35%. O restante 1,88% comercialízase a granel.

Enténdese por *leite gordo* ou *enteiro* o envasado sen máis tratamento có proceso de esterilización ou pasteurización e que, polo tanto, conserva todo o seu contigo graxo orixinal (mínimo 3,2%); representa o 34% do leite que se comercializa. O leite *semidesnatado* contén entre un 0,3 e 3,2%; e o leite *desnatado* por baixo do 0,3%; estas presentacións representan o 39% e o 27% respectivamente. Todos tres poden levar antioxidantes que é o único aditivo permitido. Calquera outro aditivo ou ingrediente impide que se denomine *leite* e debe comercializarse indicando que é *leite de* ou *leite con*. A composición nutricional media dos tres tipos de leite é a seguinte:

Composición nutritiva do leite (por 100 ml)						
	Auga ml	Kcal	Proteínas g	Graxas g	Glícidos g	Calcio mg
Enteiro	88,6	63	3,1	3,6	4,6	120
Semidesnatado	91,5	45	3,15	1,55	4,65	120
Desnatado	91,5	34	3,2	0,3	4,7	120

▸ Fonte: J.S.M.P.: "O valor dun cartón de leite" en *Feiraco* 73, xullo 2007, 9-11.

Outras presentacións do leite do comercio poden se-lo leite condensado, evaporado, en pó, enriquecido con calcio, vitaminas e outros aditivos. Todas elas destínanse a atender outras posibilidades de conservación e transporte.

Vexamos agora o léxico, fraseoloxía e tradición oral deste tema.

5574 **agustín** *s.m.* Leite. No barallete. Así, *agustineiro* é o que vende leite. (Morei., XCC).

5575 **apoxo 1** *s.m.* Últimos chorros de leite moi ricos en graxa que se sacan do ubre para face-la manteiga. (Mel2).

5576 **argueiro** *s.m.* Leite. No verbo dos cesteiros de Mondariz. Sen poder establecer ningunha relación, cómpre lembrar que *argueiro* é tamén un dos nomes do esterco, nalgures só o das ovellas, segundo ERG. (Mond1).

5577 **blaqueira** *s.f.* Leite. No latín dos chafoutas. (XCC).

5578 **canada 2** *s.f. meton.* Cantidade de leite que cabe no recipiente chamado *canada*. (ERG).

5579 **cheite** *s.f.* Leite. Recollido nas localidades leonesas de Tombrío, Ancares, Fornela, Páramo del Sil, Sorbeda, etc. (VGR).

5580 **egueiro** *s.m.* Leite. No verbo dos cesteiros de Mondariz. (Mond1).

5581 **leite 1** *s.m.* Líquido branco e opaco segregado

polas glándulas mamarias para alimentación das crías. ERG recolle o diminutivo apreciativo *leitiño*. En relación cos 209 informantes do ILG temos que suliñar que o refundido de informacións que manexamos presentaba estes datos da seguinte forma: Ourense e Lugo nunca informan do xénero (agás en Mondoñedo, fem). Pontevedra sempre coloca artigo masculino. Na Coruña, tres informantes especifican xénero feminino (Culleredo, Teixeiro, Touro) e no resto nada informan. Pero dispoñemos dunha información máis fiable se reparamos nos casos nos que a palabra *leite* forma sintagma cun adxectivo como, por exemplo, *callado*. O arquivo do ILG ofrece 121 casos de *leite callado* e 121 de *leite callada* (ou os sinónimos *cuallada*, *espesa*, *perdida*, *tallada*, *tomada*, *trallada* e similares). A forma *callada* ten por exemplo estas localizacións: ILG: 58 (C:29, LU:6, PO:23). *Ó dia siguente foi a 'Faba-Gafa' vender â vila o leitiño, e de volta subíu â casa d'o Gorrión referiulle o que lle pasara aquela noite n-a casa...* (XRB). (Común. ILG:209 (C:94, LU:39, OU:24, PO:52)).

5582 **leite 2** *s.f.* Ver LEITE 1 /5581. *De outra* [fonte], *unha iauga branca como a leite* (Cou3:19). *Cando se lapexa* ['a mel' do Courel], *parece que se están ulindo herbas e froles bravas. Algo así pode ser dito da manteiga e da leite. Ista é mesta, marela, de moita mantencia* (Cou3:21). *Eu coido que non os saben faguer* [os queixos] *pois a leite non pode ser millor* (Cou3:20). Véxase o que se di na Introdución sobre o xénero desta palabra e mailo que se di na nota a *leite* (s.m). (Bar-Co., Cou3, Culle., Cur1, Mondo2, Nove2, Rib-E, Sisto).

5583 **lico-lico** *s.m.* Leite. Úsase nas adiviñas. (PM:505).

5584 **lleite** *s.m.* Ver LEITE 1 /5581. (Vill-O).

5585 **remollo 2** *s.m.* Contido en materia graxa do leite. (VLLM).

5587 **ṭeite** *s.m.* Leite. (Ibias2).

5588 **xatelo** *s.m.* Leite. No verbo daordes e no dos arxinas. CHG recolle tamén *xatelas* co significado de "tetas". (CHG, XCC).

5589 **leite de Ombre** *s.comp.m.* Leite gordo, enteiro, con moita tona. Ombre é un lugar preto a Pontedeume. (Gro5).

5590 **anello 3** *adx.* [Leite da vaca] que adquire a súa mellor calidade en pasando varios meses do parto. Martín Sarmiento localízao en Pontevedra. (Cab., FMS, Muime3).

5591 **asorado** *adx.* [Leite] con moito soro. (Ced).

5592 **gordo 2** *adx.* [Leite] enteiro, con graxa. (Ancares2, Mon1).

5593 **macizo** *adx.* [Leite] acabado de quitar da vaca, con todo o seu contido de materia graxa, leite enteiro. Aínda non estando seguros da nosa hipótese, sospeitamos que o leite *mucizo* ou *mocizo* que significa "leite acabado de muxir" pode ter que ver etimoloxicamente co latin *mulgere* de onde proceden tódalas derivacións galegas *mocer, moxer, monxer, muxir, munguir, muñir* e que, perdida a conciencia desa relación etimolóxica, *mucizo* e *mocizo* se convertesen en palabras opacas de xeito que, nun intento de encontrarlle motivación a eses vocablos, aparecese a palabra *macizo*, xa que o leite acabado de muxir ten aínda toda a súa materia graxa e é, en consecuencia, máis viscoso, é dicir, hiperbolicamente máis sólido, "macizo". Se esta hipótese for certa, o esencial da semántica desta palabra estaría no "acabado de muxir" e non tanto na gordura dese leite sen descremar. (Grixó, LG, XER).

5594 **mocizo** *adx.* [Leite] fresco, acabado de muxir. (JASA, Mez).

5595 **mucizo** *adx.* Ver MOCIZO /5594. Krüger recolleu en Sanabria *leche muciza* co significado de "leche recientemente ordeñada". (LP).

5596 **ter un leite coma un óleo** *loc. v.* Te-lo leite bo e saudable. Coidamos que alude ó óleo da fariña milla, que é a máis fina. (LT2).

Véxase na epígrafe 3.1.2. o refrán *A vaca da miña veciña dá máis leite cá miña* e o comentario que lle facemos.

As vacas do vilán, que se no inverno dan leite, millor o dan polo vran. (VLLM:1,131) [275]

As vacas do vilego dan millor leite polo vran que polo inverno. (VLLM:1,131) [276]

Canto máis se munxe a vaca, máis remollo saca. (VLLM:1,138) [277]

[275] Llópiz: *a dan*, *pol-o*; recólleo en Chantada.

[276] Llópiz: *pol-o*; recólleo de A.L.L. en Terras de Chantada. Di que é unha *verdad casi perogrullesca, pues en todas las latitudes, las vacas con los alimentos frescos y en libertad, digiere(n) mejor y produce(n) más y mejor leche, que en el período de estabulación*.

[277] Llópiz: *múnxese*, *mais*; explica que *remollo* é na fala dos Vaqueiros de Alzada a riqueza ou corpo do leite.

Leite fresco con manteca é o almorzo das mulleres; e o burro que vén dos toxos, come verzas, si as queres. (VS) [278]
Leite, queixos e terneiros, os de Curtis e Teixeiro. (VS4)
Leite tirada da teta avada a door da orella. (VLLM:2,492) [279]
O leite de abril pra min. (VS) [280]
O leite é branco pero sae negro. (Antas4) [281]
O leite sae do moxo e non do óso. (VLLM:1,127) [282]
O leite, ó pé da vaca, e... ¡ollo coa trampa! (VLLM:1,127) [283]
O que queira leite, que o munxa. (VLLM:1,149) [284]
O viño de Beade, anque sea coma vinagre, i o de Bieite, anque sea coma leite. (VS)
O viño de Bieite, anque sexa coma leite. (VIÑO:57; ZM:186) [285]
Vaca con fartura, canada con nasura. (VLLM:1,155) [286]

¡Ai!, Manuel, meu Manueliño,
cara de leite fervido,
pensas engaña-las nenas
con faragullas de trigo. [287]

¡Ai!, Manuel, meu Manueliño,
cara de leite fervido,
queres engañar ás nenas
con curruchos de pantrigo. [288]

Anda ti, vaite de aí,
cara de leite fervido,
que tes unha barriguiña
que leva medio cuartillo. [289]

As mozas de San Martiño
teñen a color do leite,
comen o caldo sin unto
e as sardiñas sin aceite. [290]

Cala e vaite calando,
cara de leite fervido,
xa me dixo túa nai
que tiñas o enganido. [291]

---

[278] RCI dá un texto paralelo pero cítao en forma de cantiga: *Bica quente e touciño / enchen o caldo das mulleres, /e vén o home da arada /e roe nas verzas se as quere.* Está aquí latente a cuestión dos límites entre algúns refráns e as cantigas ou a dos refráns cantados.

[279] Llópiz: *doór*; engade que o remedio consiste en aplica-lo pavillón da orella dolorida e muxindo para que o chorro penetre ben no oído. Parecería que a tal teta é a da muller por denominarse así fronte ó da vaca (ubre e tetos), aínda que cabe que sexa a da vaca por tres razóns: unha que, se ben Llópiz non localiza este refrán, nós si temos rexistrado *teta* como teto do ubre da vaca ou como o ubre mesmo; outra, que *teta* pode estar en feminino para rimar con orella; e outra, que non sempre se dispoñerá de suficiente confianza cunha muller lactante para aplicar ese remedio mentres si que é doado atopar unha vaca en calquera necesidade. Pero Taboada Chivite recolle efectivamente o uso do leite de muller para cura-la otite, en Monterrei: *En las otitis desaparece el dolor echando en el oído enfermo leche de mujer, o taponando el conducto con un trozo de jamón viejo* (XTC3:42).

[280] No texto: *A leite d'abril*. Saco comenta que *Por los pastos y no es aún intenso el calor, e ofrece as seguintes equivalencias: E.: La leche de abril, para mí; la de mayo, para mi amo (para su hermano), y la de junio para ninguno*. Lémbrese tamén o paralelo: *En abril, o salmón para min, no maio para o criado, e no san Xoan para o can.*

[281] Refírese ó esforzo e traballo das actividades gandeiras. No texto: *blanco, sale.*

[282] Llópiz: *A leite*, *sal*, *oso*. Engade que é da linguaxe dos *Vaqueiros de Alzada*; que *moxo* deriva de *munxido* e sería o substantivo correspondente ó cast. *ordeño*; e que o refrán alude ós que se meten a muxir sen coñeceren o xeito que require e, en sent. fig., ós que sen coñecementos abondos se meten nunha empresa na que a habilidade é a chave do éxito. Evidentemente é discutible que *moxo* proveña de *muxido*. Este *moxo* debe ser parente do castelán *mueso* que aparece no refrán *La leche sal del mueso, no del güeso*, que Correas comenta: *Mueso es la substancia del buen alimento que come la mujer que cría*, e do que Kleiser di: *Mueso, bocado, alimento*. O tal *mueso* co significado de *mordisco* xa aparece no Cid, en Berceo, no Conde de Lucanor e posteriormente como *muerso* derivando probablemente de *morder*, aínda que é posible que teña que ver cun **mudiar* da familia de *mugire* ou de *mulgere*.

[283] Llópiz: *A leite*, *ao pe*, *cá*; e di que o recolle de *Como falan os brañegos*. Nós non o atopamos.

[284] Llópiz: *que a munxe* (sic) que corriximos por coidar que hai erro tanto no pronome feminino coma no subxuntivo. É sospeitoso que cite o cast. *Quien quiera leche que la ordeñe* e mesmo que cite a Carré Aldao (A Coruña 1908).

[285] No texto: *Vieite* (VIÑO); *Vieite, como* (ZM). Hai tres lugares en Galicia que lle chaman Bieite: un en Leiro (Ourense), outro en Boimorto (A Coruña) e outro en Castelo (Outeiro de Rei, Lugo). Referido ó Bieite de Leiro, recollémo-la sona dos seus viños na seguinte cita que copiamos do *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de Galicia* de Madoz: *El principal comercio consiste en la extracción de vino para varios puntos de Galicia*.

[286] Llópiz explica que a *nasura* é a escuma que forma o leite na canada cando o ubre está ben repleto.

[287] Sarria3. No texto: *ferbido*.

[288] TCha:58. No texto: *pan-trigo*.

[289] JPBII:92.3; VLQ2:335. No texto: *Ánda tí, váite d'ahí*, *tès* (JPB); *tí, ahí, tés* (VLQ2).

[290] ALC:281. Recollida en Corcubión.

[291] VLQ2:214, Lama2:193. No texto: *Cala, e vaite; tua* (VLQ2).

Cálate, vaite calando,
cara de leite fervido,
que inda onte me dixeron
que tíña-lo anganido. [292]

Cara de leite fervido,
cara de leite asorado,
enriba do teu bandullo
hei baila-lo pateado.
Non me bóte-las areas
nin as pedras recortadas.
Ben sabes que non te quero,
non me síga-las pasadas. [293]

Cara de leite fervido,
cara de leite asorado,
es capás ti de luxar
a cara dun home honrado. [294]

Cara de leite fervido,
cara de leite coado,
hanche de da-las azoutas
no convento de Sobrado. [295]

Cara de leite fervido,
cara de leite coado,
¿quen che ha de entregar a ti
a filla dun home honrado? [296]

Cara de leite fervido,
cara de leite coado,
viñéchesme avergonzare
ó convento de Sobrado. [297]

Cara de leite fervido,
cara de pan balorento,
anda túa nai decendo
que lle cóme-lo formento. [298]

Cara de leite fervido,
cara de pan balorento,
túa nai anda dicindo
que lle comen o formento. [299]

Cara de leite fervido,
ha de salir amolado
o que se meta conmigo. [300]

Cara de leite fervido,
inda me dixeron onte
que comeras teu pai vivo. [301]

Cara de leite fervido,
vaite onde D. Serafín
que che saque o enganido. [302]

Cara de leite fervido,
xa me dixo a túa nai
que tíña-lo mal cativo. [303]

Cara de leite mazado,
cara de leite fervido,
paréce-lo noso gato
cando vén aborrecido. [304]

Eres blanca coma o leite,
negra coma a parañeira,
teste que casar de noite,
de día non hai quen te queira. [305]

Eres blanca coma o leite,
colorada como a pez,
tes a cintura de boi,
cara de macho francés. [306]

Eres blanca como o leite,
e roxa como o coral,

---

[292] VD:283. No texto: *tíñal-o*.

[293] SCHU5/2/199bisl; no texto: *let'asorado* (sic). Repetida, só os primeiros catro versos, en SCHU5/2/229, onde escribe *leit'asorado*.

[294] JASA:106: *d'un*. DBP:2212.

[295] SCHU5/2/227.

[296] RC:136, Lama2:193. No texto: *d-un* (RC); *colado* (Lama2).

[297] SCHU5/2/229bis.

[298] LimiaB:59. No texto: *valorento*, *tua, comelo*.

[299] JPBII:94.11. No texto: *varolento* (sic), *tua*.

[300] JPBIII:124.5.

[301] SCHU5/2/228.

[302] Somo3. Bouza Brey explica que *Don Serafín era un médico popular*.

[303] AdC2:216, SCHU5/2/230. No texto: *dixo túa nai* (SCHU); *tua nai, tiñas o mal* (AdC2). SCHU define '*mal cativo*' como *posesión diabólica*, aínda que para tódalas outras fontes consultadas designa a sífilis, por outros nomes tamén chamada *mal ruín, mal francés* ou *mal gálico* (e, noutros países, *mal español, mal napolitano, doença británica*). A *posesión diabólica* é máis habitual apoñerlla á epilepsia, coñecida en castelán tamén como *mal caduco*.

[304] TCha:23. No texto: *parécelo*, *ven*.

[305] SCHU5/2/237. No texto: *com'o, téste, no'hai.* A *parañeira* é a parede da lareira contra a que se fai o lume e por iso está sempre chea de feluxe.

[306] VLQ2:341, Gud8:97. No texto: *como a leite, téis* (VLQ); *o pez, teis* (Gud8).

delgadiña da cintura
como a palmeira real. [307]

Eres branca como o leite,
colorada como o trigo;
se te non levan de noite,
de día non tes perigo. [308]

Eres branca como o leite,
vermella como o coral,
delgadiña da cintura
como unha dama real. [309]

Es tan branca como leite,
colorada como trigo;
se non te rouban de noite
de día non tes peligro. [310]

Eu pedín leite á vaca,
a vaca pideume a herba;
herbiña lle pido ó prado
e o prado pídeme rega. [311]

Eu pedín o leite á vaca,
a vaca pídeme herba,
os burros cómena toda:
miña vaca, ten paciencia. [312]

Eu pedín o leite á vaca,
a vaca pideume a herba;
herbiña lle pido ó prado
e o prado pídeme rega. [313]

Eu pedinlle leite á vaca,
a vaca pideume herba,
a herba pideume o prado,
o prado pideume rega. [314]

Eu pedinlle leite á vaca,
a vaca pideume herba,
eu pedinlle herba ó prado,
o prado pideume rega. [315]

Eu pedinlle leite á vaca,
e a vaca pediume herba;
pedinlle herba ó herbal
e o herbal pediume rega. [316]

Eu pedinlle leite á vaca
i a vaca pediume herba,
eu pedinlle herba ó campo
i o campo pediume a rega. [317]

Eu pedinlle o leite á vaca,
a vaca pediume a herba,
eu pedinlle a herba ó prado
i o prado pediume a regha. [318]

Eu pedinlle o leite á vaca,
a vaca pideume a herba;
eu pedinlle a herba ó prado,
o prado pideume a rega. [319]

Eu pídolle o leite á vaca,
a vaca pídeme a herba,
herbiña lle pido ó prado
e o prado pídeme rega. [320]

Hai muller que de solteira
a raia pranta en ser limpia,
e casada cola o leite
pola faldra da camisa. [321]

I eu pidinlle leite á vaca
e a vaca pideume herba
e herbiña pedinlle ó prado
e o prado pediume rega. [322]

Malos furunchos te coman,
cara de leite fervido,

---

[307] VLQ2:341. No texto: *como-o*.
[308] JASA:80(cant. 311), LimiaB:75. No texto: *com'o leite, com'o trigo, peligro* (JASA); *blanca* (LimiaB).
[309] VLQ2:341, DBP:3043. No texto: *blanca, bermella como-o coral* (VLQ2); *com'o, com'unha* (DBP).
[310] DBP:1552.
[311] DBP:605. No texto: *pideum'a*.
[312] No texto: *erba*.
[313] MVN:343; no texto: *pedin, lèite á vaca, pideum'a hérba, hérbiña, pidò ò prado, règa*.
[314] Lama2:88, RC:98. No texto: *pidéume, erba* (RC).
[315] SCHU1/2/264. No texto: *leit'á vaca, pedinll'herba*.
[316] MRV:63.
[317] LimiaB:83. No texto: *erba*.
[318] Antas4.
[319] Coto2:55. No texto: *pedínlle*.
[320] JPBIII:23.7. No texto: *pídoll'o*, *â vaca*, *pídem'a*, *ô prado.*
[321] XBG:789; no texto: *Hay, raya, pol-a, d'a camisa*.
[322] Ctel10.

que, anque engadaches algunha,
saliches pouco mantido. [323]

Manoliño, Manoliño,
cara de leite fervido,
queres engaña-las nenas
con rafiñas de pantrigo. [324]

María, si vas ó leite,
mércame o meu
que ten tona,
que unha pingadiña sola
éncheche o xarro e a ola. [325]

Ou ti non eres,
ou ti non podes,
ou ti non trais
o leite nos foles. [326]

Ou ti non queres,
ou ti non podes,
ou ti non trais
o leite nos foles. [327]

Pa pan de trigho Arzúa,
e pa leite Monterroso,
e pa rapazas bonitas
a parroquia de Folghoso. [328]

Pidinlle leite á vaca,
a vaca pidiume herba,
pidinlle herba ó prado
e o prado pidiume rega. [329]

Se todo o mar fora leite
e Monte Louro boroa,
xa terían que comer
os tramalleiros de Boa. [330]

Si o mar se volvese leite
e o Monte Louro boroa,
¡como se iban poñer
os boroeiros de Noia! [331]

Ten vergonza, ten vergonza,
cara de leite fervido,
inda agora me dixeron
que tiñas o enguenido. [332]

Vai calando, vai calando,
cara de leite fervida,
paréce-la nosa vaca,
cando está descolorida. [333]

Vai calando, vai calando,
cara de leite fervido;
queres enganar as nenas
con faragullas de trigo. [334]

Vaite de aí, porco cuchino,
cara de leite fervido,
inda túa cara non sirve
para contestar comigo. [335]

Alba como leite,
pintadiña con romel,
fala sen ter boca,
anda sen ter pés. [336]

Branco coma neve,
doce coma o mel;
bótase ós pasteles,
ó leite e ó café. [337]

---

[323] JPBII:98.28, VLQ2:210. No texto: *qu'anque* (JPB). VLQ2 recolle a variante *engañaches*.

[324] Zolle:216. No texto: *ferbido.*

[325] AGA:41,137. Recollida en Tioira (Maceda, OU).

[326] XSL:67 e FBB:80, que a dan como refrán. No texto: *tu*, *traes* (FBB)

[327] XSL: *tí*. FBB: *eres, tu, traes*.

[328] Sob3; no texto: *trijo, Foljoso*.

[329] Carb-L:49. No texto: *Pidínlle, pidíume.*

[330] RC:127, AdC2:192, LLB:15, VLQ2:222, ALC:285. No texto: *Si, Montelouro* (AdC2); *Si* (LLB); *Si, qué comer, Noya* (VLQ2); *Si* (ALC). Boa é punta e parroquia de Noia. O monte Louro, no concello de Muros, está formado por dous pequenos picos na entrada da ría de Muros. Existe outra cantiga semellante: *Si o mar fora de viño,/ Monte Louro de boroa,/ ¡cómo se iban a poñer/ as borrachonas de Noia!* (VIÑO2:44).

[331] Muros:481. No texto: *leite, boróa, ¡cómo se iban a poñer*.

[332] Coto2:99.

[333] MRV:51.

[334] Parade.:320.

[335] JASA:91 (cant. 437), DBP:2137. No texto: *d'ahí, tua* (JASA); *dahi* (DBP).

[336] A carta. APG:230. No texto: *romél*.

[337] O azucre. PM:123.061.

Entre tábele e tabeletiña
hai unha cousa moi bonitiña. [338]

Nace branco coma o leite,
despois verde coma a herba,
despois rubio coma o sangue
e leva no cu unha verga. [339]

Nace branco coma o leite,
despois verde coma a herba,
e despois ten unha verga no cu
e adiviña tu. [340]

O Lico-lico
non ten óso nin pelico;
e a nai do Lico-lico
ten ósos e mais pelico. [341]

6.5.2. Leite acedo

O leite contén naturalmente determinado número de microorganismos [342]. Estes medran se están a un nivel excesivamente alto –como consecuencia dunha mamite subclínica ou dunha hixiene insuficiente no muxido- ou se o leite non se conserva baixo refrixeración: nese caso producen ácido láctico por fermentación da lactosa, terminando por acidifica-lo leite, estragándoo e provocando que calle.

Esta alteración do leite debe diferenciarse do callado intencionado que se produce na elaboración do queixo ou outros derivados lácteos, proceso no que a acidificación é a consecuencia dun proceso dirixido, artesanal ou industrialmente.

5597 **trobisco** *s.m.* Sabor acedo do leite. A herba así chamada caracterízase por ser amarga de máis. (Nove).
5598 **acedo** *adx.* [Leite] cortado, que presenta tal sabor polo ácido láctico que produce o crecemento das bacterias. (Gud.).
5599 **ácida** *adx.* Ver ACEDO /5598. (Cunt2).
5600 **bucio** *adx.* Ver ACEDO /5598. (ERG, Lagoa, Vala., XER).
5601 **burcio** *adx.* Ver ACEDO /5598. (Adelán).
5602 **caldupado** *adx.* [Leite] cortado. *Está o leite caldupado*. (ERG).
5603 **ceibo** *adx.* Ver ACEDO /5598. *Este leite está ceibo*. (Alva., TCha).
5604 **cortado 1** *adx.* [Leite] acedo por acción da calor. (Com1, DRAG2, Mon., Mra., Sob., XER, Xun.).
5605 **cortón** *adx.* [Leite] que empezou a acedar ou callar. (Xun2).
5606 **chifrón** *adx.* Ver CHIRLO /5609. (Martín).
5607 **chilro** *adx.* Ver CHIRLO /5609. (Nove).
5608 **chirle** *adx.* Ver CHIRLO /5609. (Ced).
5609 **chirlo** *adx.* [Leite] acedo, que aínda non está callado. (Ced., Com1, ERG, Xun2).
5610 **picado** *adx.* Ver CORTADO 1 /5604. (DRAG2, MCouso).
5611 **xarondo 1** *adx.* [Leite] agre, de dous ou máis días. (PUlla).
5612 **xiprón 1** *adx.* [Leite] acedo. Chámase así porque se separa a tona. A nosa fonte escribe *jiprón*. (Piquín).
5613 **xiripelo** *adx.* [Leite] acedo. A nosa fonte escribe *jiripelo*. (Donís2).
5614 **xirón** *adx.* [Leite] acedo. A nosa fonte escribe *jirón*. (Suarna, Vboi., Xegunde).
5615 **xiropo** *adx.* [Leite] acedo. A nosa fonte escribe *giropo*. (Adelán).
5616 **calduparse** *v.* Cortarse [o leite], polas sacudidas do xerro que o contén ou por outra causa. (ERG).
5617 **picarse** *v.* Acidificarse [o leite]. (Cab., Cal., Com1, Gui., Per).

6.5.3. A tona

Desde o punto de vista físico, o leite é unha solución de proteínas e outras substancias en auga pero tamén unha suspensión de graxa en auga. Agora interésanos este segundo aspecto. Esa suspensión de graxa en auga, na que tanto unha como outra se manteñen separadas, sen se mesturaren, resulta inestable e, co tempo, desagrégase separándose por riba a graxa, que aboia, e por baixo, o leite. En condicións naturais, esta separación é un fenómeno que todos tivemos ocasión de ver, sobre todo os que coñecémo-lo leite acabado de muxir e con todo o seu contido graxo natural.

[338] O leite no xerro. PM:407, AGA:101: no texto: *mui*.
[339] A cereixa. PM:579.
[340] A cereixa. PM:579.316.
[341] O leite. PM:505. No texto: *oso, osos*.
[342] Segundo o Programa de Control Leiteiro, as cifras medias no ano 2004 eran de 42.000 microorganismos/ml en vacas sas.

Na cociña tradicional, a nata obtense simplemente por decantación natural, retirando esa tona superficial e gardándoa nunha cunca á parte. Na industria obtense por centrifugación do leite para conseguir acelera-la separación dos glóbulos de graxa. Presenta consistencia semilíquida máis ou menos viscosa, de cor branca amarelada e de olor e sabor característicos.

Trátase dun produto lácteo rico en materia graxa (30-50% sobre extracto seco), que se pode consumir directamente ou que se destina á fabricación de manteiga e, secundariamente, á industria pasteleira e fabricación de xeados. Só unha mínima parte se dedica a consumo doméstico. FMS aínda lle chamaba *crema,* palabra, por certo que hoxe sería moi actual, porque falamos de *leite descremado.*

5618 **cabeza 4** *s.f.* Tona do leite. *Eran as outras, as sufridas do país, as que tiñan que traballar pra ela, pra si, pra nós, criar os becerros e dar un goto de leite, que aínda non sei, miñas pobres, de donde o podían quitar nin como podía ter a grasa que tiña; porque poñer, poñía unha cabeza que namoraba; en cambio, o dela, dito aquí entre nós, era unha cousa azulada que a algunha persoa reparada non estaba libre que lle dese un chisquiño de noxo* (XMC:27). *Para facé la manteiga, collen'o leite cuando véin de muxí'las vacas, ía có'an'o para úa ola, ía cuáyasi aquel leite, ía quítanlli'a nata por riba, que levanta úa cabeza'isí, ía quítanlla, ía, despois, aquél mázan'o n'un boto do pellello d'úa ovella ou d'úa cabra ou del que sea* (Ancares2:198). (Ancares2, Gui., Per., Sob., XMC).

5619 **cabezo** *s.m.* Tona do leite. (Cab., Ver1).

5620 **entona** *s.f.* Tona do leite. (Piquín).

5621 **esnata** *s.f.* Labor de estonar. (Arcos).

5622 **esnatas** *s.f.pl.* Nata ou tona que se quita cunha culler. Ponse nunha pota onde se bate para obte-la manteiga e o leite mazado. (Arcos).

5623 **nasura** *s.f.* Escuma que forma o leite na canada ó muxi-la vaca. *¿Mirras na cara? nasura de vaca*. (VLLM).

5624 **nata** *s.f.* Tona. No *Glosario de voces galegas de hoxe* considérase castelán por *tona* pero o VOLGa recolle esta voz sen facer observación ningunha. (Com1, ERQ, ERQ, Feás-A, Gro1, Gud., Mon., Per., Razo, XLF2, XRMF4, Zolle).

5625 **pilico** *s.m.* Tona do leite. (Goián).

5626 **tiaz** *s.f.* Ver TIEZ 1 /5627. (Xun-E).

5627 **tiez 1** *s.f.* Película fina que cobre certas superficies coma o leite fervido, a graxa que sobrenada, a casca interior do ovo. (Xun2).

5628 **tona** *s.f.* Capa manteigosa que cobre a superficie do leite. (Común).

5629 **cima do leite** *s.comp.f.* Tona do leite. (CGG2, Com1, Nove., Sob., XER).

5630 **desnatar** *v.* Ver DESTONAR 1 /5631. *A muller despachábaa cos fillos ó traballo e él muxia as vacas, desnataba o leite e batía a tona* (GB1:123). (ERG, GB1).

5631 **destonar 1** *v.* Quitarlle a tona [ó leite]. (ERG, Piquín, Toba).

5632 **escabezar** *v.* Destonar. (Cab., Gui., Per).

5633 **esnatar** *v.* Desnatar, estonar. (Ancares2, Arcos).

5634 **estonar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver DESTONAR 1 /5631. (ERG, Ram.).

A muller de papalanatas non ten sorte coa manteiga. (SPP:203; VS) [343]
A muller lambeteira non ten sorte ca manteiga. (VS)
A muller que come a manteiga, non ten sorte coa nata. (MC:86)
A muller que come a nata non pode ter a manteiga. (XLF2:18)
A muller que come a nata non ten sorte ca manteiga. (VS)
A muller que come a nata non ten sorte na manteiga. (ERG:muller; XMSM:83; VS) [344]
A muller que come a nata nun ten suerte cua manteiga.(XBG:480)
A muller que come a tona non ten sorte coa manteiga. (TCha:93)
A muller que vai á nata non ten parte na manteiga. (ERQ1:115) [345]
A muller que vende a tona non ten sorte coa manteiga. (TCha:93)
Á pita e á vaca polo fociño lle entra a nata. (Viana5) [346]
A pita e a vaca polo pico dan a nata. (XTC4)
A pita e a vaca polo pico dan nata. (XTC4)

[343] Saco tamén cita SPP. *Papalanatas juega con el concepto de comer la nata, por lo que necesariamente ha de ser mala la manteca*.
[344] ERG: *tèn*. VS: *suerte*.
[345] ERQ: *manteija* e engade que *no se puede gastar y tener, a un tiempo*.
[346] No texto: *Á pita i-a vaca*.

¿Mirras na cara? Nasura de vaca. (VLLM:2,512) [347]
Tona de vaca tira as encollas da cara. (VLLM:2,512) [348]
Non hai pior vicio que o leite con tona e pantrigo. (ERG:vicio)
O que ten vacas, de tona se farta. (VLLM:1,149) [349]

Décheme unha pera podre
unha mazá xuaneira
i a muller que come a nata
non pode te-la manteiga. [350]

Faite, natiña,
de vaca marela;
faite, natiña,
se te has de facer;
faite, natiña,
faite, natiña,
que os frades de Meira
non te han de comer. [351]

Manuel caga mel
e as abellas cagan pra el.
A gata caga nata
e Manuel todo o papa. [352]

María, si vas ó leite,
mércame o meu,
que ten tona,
que unha pingadiña sola
éncheche o xarro e a ola. [353]

O meu amor é larpeiro
e comeume a nata toda;
¡Nosa Señora do Viso,
Nosa Señora mo tolla! [354]

O meu amor é nateiro
que me come a nata toda;
Santa Lucía mo cegue,
despois de cego mo tolla. [355]

O meu home é nateiro
que me come a nata toda;
¡Que a Virxe do Viso
mo mate ou mo entolla! [356]

San Lorenzo de Fornelos,
Santa María de Ortigueira:
a muller que come a nata
non pode ter a manteiga. [357]

Santa María de Entrimo,
Santa Marta de Lobeira,
a muller que come a nata
non pode te-la manteiga. [358]

Santa Marta de Lobeira,
Santa María de Entrimo,
a muller que come a nata
ten a marca no fuciño. [359]

En diferentes ocasións deste traballo batemos co feito dos difusos límites que ás veces presentan o refrán e maila cantiga. A serie de catro cantigas que seguen é un deses casos: aparecen como refráns en diversos refraneiros pero tamén as inclúen entre as cantigas os etnógrafos que recollen cantares. O primeiro verso aparentemente só ten a función de crea-la rima, como se ve comparando cos refráns que acabamos de ver.

[347] Llópiz non abre interrogación; explica que *nasura* é a tona fresca do leite das vacas e que é remedio para as engurras usado no Alto Val de Rodil (Lugo).
[348] Llópiz: *'vaca, tira'*; recólleo de X. Prado Lameiro n'*O Tio Marcos d'a Portela*.
[349] Llópiz recólleo de *Zootecnia* do Instituto Pecuario de Lugo.
[350] SCHU6/2/1282. No texto: *déchem'unha, com'a nata.* Pensamos que con *mazá xuaneira* (de san Xoán) se refire a mazás a medio criar.
[351] TCha:32. Refírese a Santa María de Meira, Lugo. Saco anótao como refrán en VS4: *Faite, natiña, se t'has de facer, qu'os frades de Meira non t'han de comer.*
[352] Riba1:170. No texto: *y-as abellas, pra él, tod'o*.
[353] AGA:41,137. Recollida en Tioira (Maceda, OU).
[354] LimiaB:120. No texto: *Tolla* (con maiúscula).
[355] LimiaB:120, VLQ2:208. Resulta curioso que se faga tal petición precisamente á Santa Lucía, avogosa das enfermidades da vista e patroa de costureiras e informáticos (porque teñen que forza-la vista) e mais dos canteiros (porque a poñen en perigo).
[356] MRV:82.
[357] Coto2:94.
[358] JASA:120, LimiaB:141. No texto: *d'Entrimo, ter a* (JASA); *Lubeira, tela* (LimiaB).
[359] LimiaB:141. No texto: *Lubeira*.

Santa Marta de Ortigueira:
a muller que come a nata
non pode facer manteiga. [360]

Santa Marta de Ortigueira,
a muller que come a nata
non pode ter a manteiga. [361]

Santa Marta de Ortigueira,
a muller que come a nata
non ten parte na manteiga. [362]

Santa Marta de Ortigueira,
a muller que come a nata
non ten sorte coa manteiga. [363]

6.5.4. A manteiga

Derivado lácteo obtido por concentración e posterior batido da graxa do leite (exclusivamente do procedente da vaca), de consistencia sólida, compacta, cor amarela uniforme máis ou menos intensa e un sabor e olor característicos.

Na cociña utilízase para comer directamente ou para frixir. Adicionándolle distintos produtos, dá lugar a diferentes tipos de manteiga de sabor e características propias, entre os que destacámo-la *manteiga salgada*, na que o sal contribúe a mellora-la conservación e dálle ademais un novo gusto, moi apreciado por numerosos consumidores.

Trátase dun alimento fortemente enerxético (contén un mínimo de graxa do 80% e achega sobre 720 kcal/100 gramos) e contribúe a eleva-lo nivel de colesterol no sangue, razóns polas que actualmente se desaconsella o seu consumo [364].

Aínda que en moitas casas de aldea con produción de leite séguese batendo o leite para a repostería doméstica [365], hoxe a elaboración da manteiga é xa, case exclusivamente, unha actividade industrial. Para as comidas a manteiga con ou sen adición de sal adquírese nas tendas e supermercados. Para o comercio de repostería as industrias leiteiras ofrecen diferentes presentacións de manteiga próximas ó 99% de materia graxa.

A graxa da manteiga ten que ser exclusivamente de orixe láctea, pero no mercado ofrécense sucedáneos nos que esta se substitúe por graxas de orixe vexetal (margarinas).

Aínda que Galicia é produtora de leite e actualmente non o é de aceite [366], na nosa cociña actual frítese habitualmente con aceite e non con manteiga, cousa, en cambio, usual nos países do centro e norte de Europa e mesmo xa na metade setentrional de Francia.

A forma tradicional de elabora-la manteiga é bate-lo leite, previamente temperado, nunha ola de barro e durante un bo tempo, operación que se chama *maza-lo leite*; deste xeito conséguese que os glóbulos de graxa se agrupen en grumos cada vez maiores que posteriormente se recollen e amasan para forma-las pelas de manteiga. Industrialmente, pódese partir de leite enteiro, nata ou soro, sempre procedente da vaca, e elabórase por centrifugación en aparellos especiais que realizan a mesma función. O proceso de fabricación inclúe tamén a desacidificación, pasteurización, adición dos fermentos lácticos responsables do aroma e sabor típicos e, finalmente, maduración.

A elaboración tradicional, doméstica, da manteiga quedou recollida por diferentes etnógrafos, dos que recollemos dúas mostras:

> *O mais do leite que se recolle consúmese ou véndese en fresco, anque tamén se reserva ás veces algunha parte pra fabricación da manteiga, que se obtén deixando que o líquido se tome, e mazándoo despois nunha ola de barro, en cuia boca adáptase unha especie de taza de madeira provida dunha fura pol-a que pasa*

---

[360] MVN2:102: *d'Ortigueira, póde*. VS dáo como refrán.

[361] JASA:141 (terc. 8): *d'Ortigueira*. LimiaB:267; recollida en Muros. DBP:315: *d'Ortigueira*.

[362] VS: *d'Ortigueira.* VS dáo como refrán.

[363] XMSM:83, RCI:177, ZM:220, ZM:259, XSL:61, JPB2:159.53, JASA:334, SCHU1/2/311, SCHU4/2/883. No texto: *ca manteiga* (XSL); *co-a manteiga* (JPB); *d'Ortigueira, n-a manteiga* (JASA); *d'Ortigueira, com'a, tén, suerte, ca manteigha* (SCHU1/2/311); *d'Ortigheira, com'a, tén, suerte, ca manteigha* (SCHU4/2/883). Unha vez máis algúns etnógrafos (JASA, XSMS, ZM, XSL, VS) presentan como refrán o que outros etnógrafos (JPB2, SCHU e RCI) presentan como cantiga.

[364] As mesmas razóns explican a difusión dos leites semidesnatados ou totalmente desnatados e a acumulación de enormes excedentes de manteiga. Tamén explicarían a presenza no mercado, xa maioritaria, dos produtos substitutivos da manteiga, como a margarina ou a minarina (aínda que neste caso non podemos esquece-la diferenza do prezo dun e doutro produto).

[365] Presta ler, neste caso, o poema *Os bolos* de Benito Losada en 16.2.

[366] Aínda se conservan algunhas zonas olivareiras tradicionais en Galicia (o Val de Quiroga, Valdeorras, O Bolo e Monterrei) pero antigamente estaba máis estendido este produto e dificilmente encontraremos unha igrexa rural galega que non teña ó seu pé a súa oliveira.

un pau rematado nun disco asimesmo de madeira que se chama a rodela. Coista rodela fáise o batido recollendo despois a tona que se utiliza fresca dándolle unha forma alongada, ou cocida, en cuio caso preséntase dentro dunha cunca das que se fabrican na olaría de Niñodaguia. [367]

A manteiga elabórana de dúas maneiras: con nata ou batendo o leite. Debido á diferencia de densidades entre a graxa e o medio líquido, o leite tende a desnatarse de forma natural. Cando se ferve, na parte superior da pota aparece unha capa de nata. A nata acumulada durante varios días métena en auga fría e amásana coa man ata que a manteiga se forme, tome consistencia. Despois póñena en pelas -bólas de manteiga-, que envolven en follas de verza. Para obter un quilo de manteiga precísanse de 16 a 22 litros de leite, segundo a calidade e a época do ano. Para bate-lo leite -técnica que, segundo parece, chegou a Europa dende as estepas asiáticas no século VIII-, bótano nunha ola de barro e póñeno ó lume. Cando está morno, báteno de arriba a abaixo cun pao semellante a un fuso -a parafusa- ata separar unha parte líquida -o leite mazado, que tamén toman- e unha parte callada, que logo amasan para forma-la manteiga. [368]

Polo tanto, o líquido que queda despois de obte-la manteiga polo método do mazado, é o *leite mazado* que veremos na epígrafe 6.5.5.

Esta manteiga de leite de vaca nada ten que ver coa obtida por cocción da graxa do porco e que se garda callada para utilizala despois cando se precisa fritir e que tamén dá algún refrán [369].

5635 **balúa** *s.f.* Ver BALUGA /5636. (Nete).

5636 **baluga** *s.f.* Pela de manteiga. (Cab., Ced., Com1, ERG, Lan., Piquín, TCha, Vala).

5637 **batadela** *s.f.* Ver BALUGA /5636. (Seo).

5638 **beluga** *s.f.* Ver BALUGA /5636. Hai un tipo de delfín, propio dos mares polares, que é totalmente branco e que tamén se chama *beluga* (*Delphinapterus leucas*). Mencionamos isto só porque nos sorprende a coincidencia xa que a distribución deste cetáceo, exclusivamente circunpolar, fai imposible calquera outra relación máis ca simple homofonía. (Lan.).

5639 **bolo 2** *s.m.* Pela de manteiga. *Nun recanto* [da feira] *estaban as mulleres de pé cos cestos na man abertos, nos que se vían bolos de manteiga fresca e cuncas de manteiga cocida* (GB2:136). (Com1, Dum., GB2, Goián, Gud., Mel1, Mez., Razo).

5640 **feitura** *s.f.* Ver FACEDOIRO DE MANTEIGA /5652. (Parade.).

5641 **feiturada** *s.f.* Ver FACEDOIRO DE MANTEIGA /5652. (Lemos2, Parade., Saa).

5642 **manteiga 1** *s.f.* Derivado lácteo elaborado pola separación e batido materia graxa do leite. (Común).

5643 **mazadela** *s.f.* Acción de maza-lo leite, coa connotación de obra lixeira. (Xun2).

5644 **papelo** *s.m.* Bóla de manteiga de vaca lista para comer. (Cang., LG).

5645 **pela 1** *s.f.* Bóla que se obtén durante o proceso do batido do leite na elaboración da manteiga. (Cal., Com1, CP, ERG, Feás-A, Mel1, Mra., Sob., XER, XLF, XRMF4, Xun.).

5646 **pelo 2** *s.m.* Ver PELA 1 /5645. (Cris).

5647 **pena** *s.f.* Ver PELA 1 /5645. (Ver1).

5648 **penla** *s.f.* Ver PELA 1 /5645. (ERG, Gui., San.).

5648b **penle** *s.m.* Ver PELA 1 /5645. (CLam3).

5649 **penlo** *s.m.* Ver PELA 1 /5645. (Berres).

5650 **pilla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PELA 1 /5645. (XLF).

5651 ***manteca** *s.f.* Ver MANTEIGA 1 /5642. (Común).

5652 **facedoiro de manteiga** *s.comp.m.* Pela, pelo ou bolo de manteiga extraída do leite feito ou mazado. (Parade.).

5653 **pelota de manteiga** *s.comp.f.* Ver PELA 1 /5645. (Dum.).

5654 **pelota de *manteca** *s.comp.f.* Ver PELA 1 /5645. (Laxe).

5655 **penla de *manteca** *s.comp.f.* Ver PELA 1 /5645. (San.).

5656 **leite cremado** *loc. s.* Manteiga. (ERG).

5657 **anazar** *v.* Bater [o leite]. (VLLM).

5658 **arrolar** *v.* Abala-la ola para que se xunte a manteiga que está nadando no cimo [do leite] e poder retirala mellor. (Parade.).

5659 **bater** *v.* Golpear repetidamente [a tona do leite] para provoca-la separación dos glóbulos de graxa e obte-la manteiga. (Común).

5660 **batucar** *v.* Ver BATER /5659. (Arcos).

5661 **estremar 3** *v.* Separa-la manteiga [do leite]. A definición completa da nosa fonte é: "Separar la manteca de la leche o de cualquiera impureza". Non entendemos esta segunda parte. (Ibias1).

5662 **facer** *v.* Mazar [o leite] co mazarelo para face-la manteiga. (Parade.).

5663 **ferir** *v.* Face-la manteiga. Ver FERIDOIRA /5825. (AG-AO).

[367] Velle1:136.

[368] XRMF4: 186.

[369] *O aceite, en calando; a manteiga, en ruxindo* (ERG:aceite).

5664 **mazar** *v.* Bater [o leite] co mazarelo nunha ola, para face-la manteiga. (ERG, Parade., Ped3, Per1, Sob., XER).

5665 **petar** *v.* Ver BATER /5659. (Gun., XER).

5666 **face-la ponta** *loc. v.* Facerlle un pouco de lume [ó leite] arredor ou ó lado da ola, para que queza e se xunte a manteiga en menos tempo. *Hoxe non dou feito o leite, i-eso que lle fixen a ponta*. (Parade.:148).

A manteiga de maio dura todo o ano. (VS) [370]
A muller e a manteiga, adobalas pra levalas á feira. (EGE:99)
A muller i a manteiga adóbanse prá feira. (XTC4)
A quen non ten sorte nin fortuna, crébanselle os dentes na manteiga dura. (VS)
*O que non ten sorte, *hasta ca manteca fresca lle can os dentes.* (VS) [371]
O que non ten sorte, na manteiga fresca rompe os dentes. (VS) [372]
A vaca leiteira, boa calda, boa manteiga. (VS) [373]
A veiga e a manteiga, a bondá ten á beira. (XTC4) [374]
A veiga e a manteiga, a bondá teñen na beira. (VS) [375]
A veiga e a manteiga, a bondade tena na beira (ANV1:104; ZM:28) [376]
É moi grande o pote e pouca a manteiga pra que saian boas as papas. (VS) [377]
Época da castañeira, villotes, pan e manteiga. (ZM:101)
Mentres o home vai a Meira, a muller queda na casa facendo a manteiga. (RCI:130)
Na cama do can non cates/busques o pan, nin no fuciño da cadela busques a manteiga. (ERG:can/pan) [378]
No bico do can non cáte-lo pan, nin no fociño da cadela cáte-la manteiga. (JASA2:389; JASA3:224; VS) [379]
No bico do can non cáte-lo pan, nin no fuciño da cadela vaias cata-la manteiga. (UCA2:47; VS) [380]
No niño do can non cáte-lo pan, nin no fociño da cadela cáte-la manteiga. (FBB:228; JASA:332; JASA3:224) [381]
Non sexas forneira se tes a cabeza de manteiga. (XMSM:35; XSL:53; ERG:forneiro; VS) [382]
O que non munxe marela, non fai queixo nin manteiga. (VLLM:1,148) [383]
O que ten vacas, de manteiga se farta. (VLLM:1,149) [384]
O que ten vacas, manteiga non lle falta. (VLLM:1,149) [385]
Queixo de ovella, leite de cabra e manteca de vaca. (Carb-L:196; VS) [386]

---

[370] VS mc: *do maio*, ms2: *de mayo*.

[371] VS: *suerte*.

[372] VS: *suerte*.

[373] VS comenta que a voz '*calda' falta en nuestros diccionarios, y significa el pienso abundante que ha de darse a los animales para que produzcan*. Consultado o *Diccionario de diccionarios*, a primeira aparición con este significado procede de Rivas Quintas en *Frampas I*: "Mezcla de nabos, berza y otras hortalizas, cocidas, que se da al ganado *adubado* con harina o con *farelos*. Implica un matiz despectivo".

[374] XTC4: *A veiga y-a manteiga, a bondá ten-a veira*.

[375] VS: *i-a manteiga*. Saco di que o recolle de A. Noriega [mc: A.N.], pero como veremos este dá unha forma diferente.

[376] ANV1: *y-a, bondá*.

[377] VS mc: *menteiga*, ms: *salian*.

[378] No texto: *cátelo pan, búsquela manteiga* (ERG:can); *busques o pan, busques a manteiga* (ERG:pan).

[379] No texto*: N-o bico, d'o can, cátel-o, n-o fociño, d'a cadela, cátel-a* (JASA2); *cátel-o, cátel-a* (JASA3); *fuciño* (VS)

[380] UCA2, VS. No texto: *catel-o, fociño, vayas, catal-a* (UCA2). *catel'o pan, en fuciño d'a cadela, vayas catal'a* (VS). Saco engade os seguintes equivalentes: P.: *Não busques o pão no focinho do cão* (Chaves); E.: *No busques pan en el molino del can* (Correas), *No busques pan en la cama del can* (Correas).

[381] No texto: *N-o, d'o, n-o, d'a* (JASA); *cátel-o pan, cátel-a manteiga* (JASA3); *cates o, fuciño, cates a* (FBB).

[382] ERG, VS. No texto: *seas, tès a cabeza* (ERG); *seas* (VS). Saco engade esta equivalencia: *No seais hornera, si tenéis la cabeza de manteca*.

[383] Llópiz recólleo en Vilacampa, en terras do monte Buio preto do Valadouro.

[384] Llópiz recólleo da colección de *Refranes* Ultreya. Cabería pensar que é a nosa fonte *AdC*, pero nesa colección non figura este refrán. Tamén miramos na revista *Ultreya* (1919-1920), que trae dúas coleccións de refráns, pero tampouco aparece nelas.

[385] Llópiz recólleo de E. Mayobre en Serantellos. Esperabamos *Ó que ten...* e daquela sobraría a coma.

[386] VS: *de ovellas*. Saco comenta que son *Preferibles entre los de su clase*, e ofrece os seguintes equivalentes: P.: *Queijo de ovelha, manteiga de vaca, leite de cabra* (Chaves); E.: *Queso, de ovejas; leche, de cabras; manteca, de vacas* (R. Marín).

Quen a manteiga mesura, as maus unta. (VS) [387]

Se as penas de Oirán se volveran pan, a Frouseira [388] *manteiga, e o río de Ouro viñera mouro, non habería terra como Valadouro.* (ZM:222; EAG:28) [389]

Se as penas de Oirán se volveran pan; as da Frouseira, manteiga i o río de Ouro, viño mouro, ¿quen podería co Valadouro? (Mondo4:36) [390]

Se as penas de Oirán se volveran pan, i a Frouseira manteiga, e o río de Ouro viño mouro, non había terra coma o Valadouro. (VIÑO:58)

Se o Cadramón fora de xamón, a Frouxeira de manteiga i o río Ouro fose ouro, ¿quén podía co Valadouro? (XAB1:41)

Se os penedos de Oirán se volveran pan, a Frouseira manteiga i o río de Ouro viño mouro, non habería terra como a do Vale de Ouro. (ERG:terra) [391]

Ver variantes de cantigas e refráns no apartado anterior (*A tona*).

A muller que ha de ser miña
ha de ter o cu de pau,
a barriga de manteca
i as tetas de bacalau. [392]

A muller que ha de ser túa
ha de te-lo cu de paue
a barrigha de manteca
i os pechos de bacalau. [393]

Adiós, ponte da feira,
adiós, carballo grande,
onde se vende a manteiga. [394]

As tortiñas de manteiga
prá mamá que dá a teta;
as tortiñas de cebada,
pró papá que non dá nada. [395]

Bate, meu leite,
na cántara nova
con tres pelouriños
e mailo da roda. [396]

Bate, meu leite,
se te has de bater,
que na casa teño
quen te ha de comer. [397]

Bátete, leite
de vaca marela;
pace no monte
e bebe na serra. [398]

Cando os homes están solteiros
moito mel, moita manteiga,
e despois de casadiños
¡vai traballar, preguiceira! [399]

Cheguei á fia atruxando
e quixen botar por ela,
e puxéronme o lombiño
moliño como a manteiga. [400]

Corazón de manteiga,
nunca eu te perdera;
nin aquí nin aí
¡pero nunca sen ti! [401]

---

[387] Comenta Saco que é de *aplicación figurada a los que administran lo ajeno*, e ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Quem azeite mede, as mãos unta* (Chaves), *Quem o mel trata, sempre se lhe pega* (Chaves), *Quem trás mãos na massa, sempre se lhe pega dela* (Chaves); E.: *Quien aceite mesura, las manos se unta* (R. Marín); C.: *Qui oli mesura, els dits s'unta* (Alberola).

[388] Nótese que as diferentes variantes deste refrán oscilan entre *Frouseira* e *Frouxeira.*

[389] No texto: *Se as peras de Dirán* (sic) (ZM); *S'as, d'Oirán, d'Ouro, n'habia, com'o vantedouro* (sic) (EAG). Son todas localidades da zona norte de Lugo.

[390] No texto: *Si, d'Oirán, d'a Frouseira, y o río d'Ouro, c-o Valadouro*.

[391] ERG: *volverán*.

[392] Gud5:66. No texto: *yas tetas*.

[393] SCHU6/2/515b.

[394] DBP:1586. No texto: *donde, vend'a*.

[395] MRV:113.

[396] MRV:114.

[397] MRV:114.

[398] TCha:84. Estes versos, coma os anteriores, marcan o ritmo da parafusa ó maza-lo leite.

[399] Rois:27. Comunicado por Barreiro (Hermedelo, Rois, A Coruña). No texto: *despóis*.

[400] MLP3:151, VLQ2:380. No texto: *â fía*, *com'a manteiga* (MLP3); *cheguéi a fía* (VLQ2). *A fía* é o lugar onde se fía o liño.

[401] RCI:92.

Domingo de Meira
vende a manteiga,
que eu son de Castro de Rei
e xa a comerei. [402]

Eí veñen as mociñas
da miña terra,
berra que berra,
cos ovos e manteiga ó lado,
e todo aquello lévano roubado. [403]

Escapa rapozo
do cu piolloso
non máte-lo año
de Pedro Castaño
que vai á ribeira
busca-la manteiga
para a muller
que a ten parideira
que ten un varón
que lle chaman Antón
penica de craba
ie fol de castrón. [404]

Eu quixera unha muller
que tivera o cu de pan
i a barriga de manteiga
i o lombo de bacalao. [405]

Faite, meu leite
na cántara nova,
moita manteiga
proveito da dona. [406]

Maruxiña do Penedo
*foi chorando *hasta Teixeiro,*
porque os gatos lle comeron
a manteiga do pucheiro. [407]

Mazámo-lo leite
na cántara nova.
Moita manteiga,
proveito da dona. [408]

Mázate leite,
na cántara nova,
muita manteca,
porveito pra dona. [409]

Moza que máza-lo leite
na cántara nova;
moita manteiga,
proveito da dona. [410]

Na casa da rata
pariu unha gata;
na casa de barreira
fixéronlle a manteiga
e na casa da María
recolléronlle a cría
para dárllela ós de Fonfría. [411]

Neboeira vaite, vaite,
cara os campos da Ribeira,
comer ovos e manteiga
daquela vaca tenreira. [412]

Non vaias coser pró cura
que che ha dar mel e manteiga,
e nunca alí tal mistura
sentou ben ás costureiras. [413]

O amor cando pretende,
moito mel, moita manteiga,
e despois, desque te engaña
"busca nena quen te queira". [414]

---

[402] RCI:29.
[403] DBP:2715.
[404] SCHU1/2/293. No texto: *par'a muller, tén*.
[405] JASA:118; no texto: *cú, y-a, y-o*. DBP:2296.
[406] JASA:199; DBP:2700. Recollida en Santiago. No texto: *n-a*, *d'a* (JASA).
[407] AGA:42. Tamén se pode referir á manteiga do porco.
[408] AGA:43. No texto: *Mazámolo leite.*
[409] AFL.
[410] Carb-L:86; no texto: *mazas o leite.* AGA:130 e VS dáno como refrán.
[411] RCI:171. No texto: *paríu*.
[412] Cea2. Semella un conxuro para que a néboa tan desagradable quede na Ribeira ou zona baixa onde se forma, e para iso se lle promete, a modo de ofrenda, os ovos e manteiga que pode comer alí. A *vaca tenreira* é neste caso a vaca que pariu hai pouco tempo.
[413] MLP2:08, MLP3:207. No texto: *vayas, pr'o cura, ch'ha dar, sentóu, âs costureiras* (MLP2:08); *sentóu* (MLP3:207).
[414] Zolle:220. No texto: *t'engaña.*

O amor cando pretende,
muito mel, muita manteiga,
desde que logran a súa
"ora busca quen te queira". [415]

O amor que ha de ser meu
ha de te-lo cu de pau
a barrigha de manteiga
e as pernas de bacalau. [416]

O amor que ha de ser meu
ha de ter o cu de pan,
a barriga de manteiga
e os ollos de bacalau. [417]

O amor que ha de ser meu
ha de ter o cu de pau,
a barriga de manteiga
i o demais de porco baldau. [418]

O amor que ha de ser meu
ha de ter o cu de pau,
a barriga de manteiga
o nariz de bacalao. [419]

O amor que ha de ser meu
ha de ter o cu de pau,
a barriga de manteiga,
os ollos de bacalau. [420]

O amor que ha de ser meu
ten que ter o cu de pau,
a barriga de manteca
e as tripas de bacalau. [421]

O home cando pretende,
moito mel, moita manteiga,
pero despois que se casa
¡seique o veu unha meiga! [422]

Os homes cando pretenden,
moito mel, moita manteiga,
e despois de casadiños
seica os veu unha meiga. [423]

Para torradas manteiga,
para rustridos cebola,
cariños cantos ti queiras
¡casar contigo...xo! rola! [424]

Pun purrumpún
- ¿A onde vas, vella?
Pun purrumpún
- Pra Pontevedra,
a comprar a manteiga
prá vella
que está na lareira. [425]

Pun, purrumpún,
Serafín de Pumar,
morreulle a muller
volveuse a casar,
vai na burriña
para Santa Mariña
busca-la manteiga
para a vella peideira
que está na lareira
quentando as canelas
ó lume das estelas. [426]

San Antonio garde o gando
no medio daquela veiga;
os becerros fan as papas,
as vacas fan a manteiga. [427]

Teño unha nena engañada
na raia de Portugal;
para ovos e manteca
téñolle dado un real. [428]

---

[415] SCHU6/2/660. No texto: *cuando*.

[416] SCHU6/2/515a, SCHU6/2/515c, Zolle:235. No texto: *qu'a, manteigha* (SCHU6/2/515a); *meue, té-lo, paue, e barrigha de manteca, i as pernas de bacalaue* (SCHU6/2/515c); *qu'a de ser, ter o cu de pao, i-a barriga, i-as pernas* (Zolle).

[417] VLQ2:334. No texto: *míu, cú, pán* (sic)*, e-os ollos*. Estraña que nesta cantiga o amor esperado deba te-lo *cu de pan*, cando tódalas demais variantes recollidas se inclinan por un *cu de pao*. Ó non poder confirmar que se trate dun erro, como sospeitamos, preferimos respecta-lo orixinal.

[418] TCha:27.

[419] Coto2:76.

[420] Corme1:476. No texto: *cú*.

[421] JPBI:171.52. No texto: *qu'ha*.

[422] Rois:62. Recollida en Bralo (Aguasantas, Rois, A Coruña). No texto: *despóis*.

[423] VLQ2:212, DBP:1778. No texto: *muita mel, seica os ven* (sic) (VLQ2); *pertenden, seiqu'os ve algunha* (DBP).

[424] VD:316.

[425] TCha:79. No texto: *ónde*, *pra vella.*

[426] RCI:45. No texto: *cantando* (sic) *as canelas*. Corrixímolo porque nos parece un erro de vocalismo átono que arrastrou despois o cambio do dígrafo consonántico *qu* por *c.*

[427] Coto2:93.

[428] JPBIII:232.43. No texto: *n-a raya*.

Todos lle levan ó Neno,
eu tamén lle levarei
unha torta de manteca
e un xerro blanco de mel. [429]

Torradiñas con manteiga,
torradas non quero máis,
por causa das torradiñas
fóxenlle as fillas ós pais. [430]

Torradiñas con manteiga,
torradas non quero máis,
por causa das torradiñas
márchanlle as fillas aos pais. [431]

Vaite chuvia, vaite sol
polos campos de Ferrol;
unha vaca parideira
con tres olas de manteiga,
unha pola para pór,
un galo para cantar
e unha porquiña rabela
para facer o xantar. [432]

Veño da ribeira, - de catar manteiga
prá iaña María, - que a temos parida
na corte das crabas - comendo cagallas
cun fillo ladrón - con outro gorxón
con outro tamaño coma un c... [433]

A zorra e o lobo [434]

Unha zorra que andaba preñada mercou [435] unha libra de manteca pra facer unhas bebidas cando parira; pro un día antoxábaselle comer unha pouca e iba e lambía nela [436]; outro día volvía a facer o mesmo; mais tanto lambeu, que, cando se deu pola [437] conta, xa non deixara nada i entonces [438] botoulle as culpas ao lobo pra que lle mercase máis e cueso foi i díxolle [439]:

-¡Osté comeume a manteca, compadre!

-Eu non a [440] *comín, non señora*.

O lobo a que non, i a raposa a que si [441], estiveron rifando máis de dúas [442] horas, hasta que ao último dixo a zorra:

-Pois o millor é que nos deitemos ao sol, porque o que a comese halle [443] *sudar a barriga.*

Deitáronse e foi a raposa e mexoulle a barriga ao lobo e dispoixas chamou por el, decíndolle:

-Compadre. Inda será capaz de negar que foi osté quen a [444] *comeu!*

-Xa vexo que a comín pro foi sin sentir, pois non me acordo.

E cueso o probe do lobo túvolle que mercar outra libra de manteca á zorra.

O paisano, o avogado e as moscas [445]

Había un home nunha aldea que, por non ter muller nin fillos, vivía solo nunha caseta. É decir, solo de persoas, porque con el [446] vivían unhas galiñas, un par de ranchos, ou un

[429] Lama2:60.
[430] LimiaB:156.
[431] Corme1:475. No texto: *mais*.
[432] Lama2:219, AGA:78, Muros. No texto: *Vai-te, chuvia, vai-te, sol* (AGA); *pol-os, por* (Muros). A versión de Muros omite a conxunción (*unha porquiña rabela*).
[433] DBP:227. No texto: *qu'a*. Incompleta por eufemismo.
[434] Gud3: 142-143. Recólleo de Josefa Guerra de Pentes.
[435] No texto: *mercóu*. Igualmente no resto do texto: *lambéu*, *botóulle*, *coméume*, *mexóulle*, *chamóu*, *coméu*.
[436] No texto: *n-ela*.
[437] No texto: *cando se déu pol-a.*
[438] No texto: *i-entonces*.
[439] No texto: *mais, e cueso foi y díxolle*.
[440] No texto: *non-a*.
[441] No texto: *i-a raposa a que sí*.
[442] No texto: *mais de duas*.
[443] No texto: *hálle*.
[444] No texto: *quen-a*.
[445] FINGOI: 137. No título e no resto do texto: *abogado*.
[446] No texto: *él*. Unhas liñas máis adiante escríbeo sen acento.

cocho da ceba, unha vaca co seu becerro, cando o tiña, i un gato que pasaba todo o día xunto do lume na lareira.

Como era solo, tiña que facer os traballos de home, e tamén os de muller: munxía a vaca, facía o queixo, batía o leite e sacáballe a manteiga pra facer a baluga. A baluga era o que lle traía a el desesperado, sobre todo no vrau, porque as moscas non o deixaban en paz.

Cansado delas [447], resolveu [448] ir a ver un veciño que era algo avogado pra ver si lle daba algún remedio contra as moscas. O avogado, querendo tomarlle o pelo, díxolle que o mellor que podía facer era pegarlle un pau a cada unha que vira, e que así logo acabaría con elas.

O home da baluga ben se deu conta de que o avogado lle estaba tomando o pelo, e, vendo que se poñía unha na calva do avogado, levantou de caiada e, dándolle un pau na cabeza ao avogado, díxolle:

- *Se por paus é, aí vai un pra* [449] *primeira*.

Asa-la manteiga.

É o prototipo de disparate, como veremos en 13.1.5. (lemas 14100 e 14101). Pero, aínda que pareza raro, Francisco Martínez Motiño (ou Montiño), cociñeiro real dende Filipe II a Filipe IV deixou a súa receita para asa-la manteiga no seu *Arte de Cozina, Pasteleria, Vizcocheria y Conserveria,* (Madrid, Luis Sánchez, 1611):

[263v] *Cómo se puede asar una pella de Manteca de uacas en el asador.*

Tomarás vna pella de manteca fresca, y espetarla has de punta a punta en vn asador de palo que sea muy derecho y quadrado y en la punta redondo. Este asador atarás en la punta del asador [264r] de tornillo muy bien, porque no se puede asar en asador de hierro, porque se calentaría y derretiría la manteca por de dentro: y tampoco se puede asar en asador que no tenga tornillo, porque no andaría redondo, y haría derretir la manteca, y como la tengas espetada como está dicho: pon los cauallos, y haz vna lumbrecilla de carbón, que no sea más ancha que la manteca, poniendo vnos ladrillos a los lados, de manera que quede vn claro que no sea más ancho que la manteca: luego tendrás cantidad de pan rallado mezclado con açúcar, y pon a asar la manteca, y ha de andar el asador mui redondo, y ha de estar echando vno siempre pan rallado, y açúcar por encima, teniendo vna pieça debaxo para recoger el pan rallado que se cayere, porque la lumbre que ha de asar la manteca no ha de estar debaxo, sino adelante, y ha de auer buena lumbre clara de tizos de carbón: y desta manera irás asando la manteca: y si te das buena maña [264v] a echar el pan, la asarás sin que se derrita gota de manteca, más de lo que se empapare en el pan: y quando vieres que se va abriendo haziendo vnas aberturas o grietas, la darás buena lumbre para que tome color el pan, y la podrás sacar. Siempre quedará en medio vn poquito de manteca sin derretir; porque como el asador es de palo, nunca se aurá calentado en medio de la manteca lo que no se pudiera hazer con asador de hierro. Y aduierte, que quando la manteca vaya más de medio asada, si abriesse mucho, sería necessario sacarla, y ponerla en vna barquilla, o en vn plato hondo con mucho pan rallado, y açúcar debaxo, y encima: y luego calentar vn horno de cobre con mucha lumbre: y quando esté muy caliente mete la manteca dentro en su plato, y luego tomará color; y si se desbaratare algo, toma vna paleta, y acomoda la que esté de la hechura de pella de manteca fresca, y échale más pan rallado: y desta manera quedará buena. Esta manteca [265r] asada no es más de para aueriguar si se puede asar en asador, o no: y es verdad que se puede asar de la manera que tengo dicho, porque yo lo he hecho algunas vezes; mas si quisieres hazer esta manteca que venga a estar de la misma manera, como si se asase en asador Tomarás la manteca assí cruda, y mezclarla has con con mucho pan rallado y açúcar, de manera que venga a estar como vna masa dura que parezca que es todo pan: luego échala en vna barquilla, y ponla sobre vnas brasas, y vela acomodando con la paleta, que quede la hechura de vna pella de manteca: y si vieres que se reçuma, échale más pan rallado, y quando esté tostada por vn cabo, buéluela con la paleta, y tuéstala por el otro, y la sacarás que parezca a la otra que se asó en el asador.

[447] No texto: *dela* (sic).
[448] No texto: *resolvéu*.
[449] No texto: *prá*.

6.5.5. O leite mazado

O leite mazado é *leite desnatado* ou *descremado* que se obtivo separando a manteiga polo procedemento de batido do leite, tal e como vimos na epígrafe anterior.

> *A parte resultante do batido que queda na ola leva o nome de leite mazado e costitue un manxar que goza de bastante estimanza* (Velle1:136).

Despois de bate-la nata e separada a manteiga, aínda queda un líquido brancuzo, especie de soro, co que na cociña tradicional galega aínda se facían algunhas humildes larpeiradas, coma as que veremos cando falemos das voces *marondo* e *podre* na epígrafe 6.6.1.

5667 **picón** *s.m. Ú. m. en pl.* Coágulo que queda no leite mazado, despois de obte-la manteiga. A nosa fonte úsao en plural, *picós*. (AO2).

5668 **leite apicoado** *s.comp.m.* [Leite] cheo de *picós*, é dicir, cheo de coágulos despois de obte-la manteiga. (AO2).

5669 **leite batido** *s.comp.m.* Leite que queda unha vez que se bate na rodela para quita-la manteiga. (DRAG2, ERG).

5670 **leite capado** *s.comp.m.* Leite desnatado. A nosa fonte define como "el atrasado al que le han quitado la tona o nata". (Vale).

5671 **leite da roda** *s.comp.m.* Ver LEITE MAZADO 1 /5675. (Xerdiz).

5672 **leite da zumba** *s.comp.m.* Ver LEITE MAZADO 1 /5675. (Adelán).

5673 **leite delgao** *s.comp.f.* Leite sen graxa, desnatado. Lémbrese que *leite gordo* é leite enteiro, con toda a súa graxa. (Ancares2).

5674 **leite feito** *s.comp.m.* Ver LEITE MAZADO 1 /5675. (AO2, Sete-L).

5675 **leite mazado 1** *s.comp.m.* Líquido que queda ó face-la manteiga. *Para bate-lo leite [...] bótano nunha ola de barro e póñeno ó lume. Cando está morno, báteno de arriba a abaixo cun pao semellante a un fuso -a parafusa- ata separar unha parte líquida -o leite mazado, que tamén toman- e unha parte callada, que logo amasan para forma-la manteiga* (XRMF4:186). *A parte resultante do batido que queda na ola leva o nome de leite mazado e costitue un manxar que goza de bastante estimanza* (Velle1:136). (DRAG2, ERG, ERQ, Fri., Mon., Mra., Ped1, Per., Per1, Piquín, Velle1, Vilaf., XER, XLF, XRMF4, Xun.).

5676 **leite picón** *s.comp.m.* Ver LEITE CAPADO /5670. (Barredo).

5677 **leite viúda** *s.comp.f.* Ver LEITE VIÚDO /5678. O informante fai equivaler esta *leite viúda* á "medio descremada". (Noalla).

5678 **leite viúdo** *s.comp.m.* Leite antes de callar, cando se empeza a separa-la tona. (SCilla).

5679 **leite zumba** *s.comp.m.* Ver LEITE DA ZUMBA /5672. (Piquín).

5680 **enxebro** *adx.* A nosa fonte define como "leite acedo". Escribe *enjebro*. A nosa fonte explica que se chama así porque se lle xebra a tona ou nata para facer manteiga. (Forc2, Forc3).

Bica e leite mazado, viñote e vida de aldea, Dios lla día a quen a desea. (VS) [450]
Bica e leite mazado, viñote e vida de aldea, Dios lla dea a quen a queira. (Carb-L:220)
Leite desnatada nin mantén nin val pra nada. (ZM:126)
Leite mazada, pouco máis que auga branca. (VLLM:1,142) [451]
Leite mazado, peido no rabo. (VS; Carb-L:202; Parade.:148; Carte.) [452]
O que anaza a leite, n'auga a converte. (VLLM:1,148) [453]

Ai Manuel, Manueliño,
cara de leite mazado,
leva a muller á misa
nun borriquiño pelado. [454]

Anda ti, cara lavada,
cara de leite mazado,
levache a teu pai á forca
nunha burriña sin rabo. [455]

[450] VS: *viñota, d'aldea*.
[451] Llópiz: *mazada* (sic); di que o recolleu do *Folklore de Mondoñedo*, abon. por A. Seijas e M. Osés.
[452] Alude ás ventosidades que disque orixina o leite mazado a quen o toma.
[453] Llópiz explica que *anazar* é bater, axitar, no folklore de Lourenzá.
[454] Lama2:95.
[455] VLQ2:339, AFF2:224. No texto: *tí, téu pai, n-unha* (VLQ2); *tí, á teu, â forca* (AFF2).

Antoniño, Antoniño,
cara de leite mazado,
levas a muller á misa
no borriquiño sin rabo. [456]

Bate, meu leite,
na cántara nova
con tres pelouriños
e mailo da roda. [457]

Bate, meu leite,
se te has de bater,
que na casa teño
quen te ha de comer. [458]

Bátete, leite
de vaca marela;
pace no monte
e bebe na serra. [459]

- Bixato, bixato,
¿que levas nel papo?
- Leite mazado.
- ¿Quen cho mazou?
- María de Merón.
- Pasou por el río cua manta cuberta
y non la moyou. [460]

- Buxato, buxato
¿que levas no papo?
- Levo leite mazado.
- ¿Quen cho mazou?
- Maria de Miou
que por aquí pasou
cunha manta cuberta
e un cagallón na testa. [461]

Cara de leite mazado,
cara de leite fervido,
paréce-lo noso gato
cando vén aborrecido. [462]

- Corvo queimado,
¿que levas no rabo?
- Leite mazado.
- ¿Quen cho mazou?
- A María do Coucou.
- ¿Con que lle diches?
- Coa chave do rei.
- Deixa, deixa,
que xa llo direi. [463]

Eí vén o tempo de troupele, troupele,
eí vén o tempo de troupelear,
eí vén o tempo de mazar o leite,
eí vén o tempo do leite mazar. [464]

Mázachi, meu leite
Mázachi, mia nata.
Si eres bon cullireiche
ia si non dóuchi a lata…
María acaba'l ben
que'l bouto tá routo
Ia ¡o lé yé! [465]

Mazámo-lo leite
na cántara nova.
Moita manteiga,
proveito da dona. [466]

Mázate leite,
na cántara nova,
muita manteca,
porveito pra dona. [467]

Mázate meu leite,
mázate mía nata,
mázate meu leite,

[456] Morei:400. No texto: *Misa*.
[457] MRV:114.
[458] MRV:114.
[459] TCha:84. Estes versos, coma os anteriores, marcan o ritmo da parafusa ó maza-lo leite.
[460] JLPC:137.
[461] AO:*bujato*. Buxato é un dos moitos nomes cos que se coñece ó miñato común, *Buteo buteo*, ave de rapina moi frecuente en Galicia. No texto: *¿qué levas, Quén, mazóu, Mióu, pasóu*.
[462] TCha:23. No texto: *parécelo*, *ven*.
[463] Carb-L:132. No texto: *¿qué levas, Quén, mazóu, Coucóu, Con qué, diréi.*
[464] Morei:397. No texto: *Ehí, ven, tróupele*.
[465] Ancares2:174. Cantan esta copla mentres baten o *boto* para maza-lo leite. Pero a mesma fonte, na p. 199, transcríbeo así: *Mázache, meu leite,/ mázache, mia nata/ Si eres bon culliréiche/ ia, si non, dóuchi a lata…/ María acáda'l ben/ que'l bouto tá routo/ ¡ía o lé'llé! ¡ía o lé'llé!*
[466] AGA:43. No texto: *Mazámolo leite*.
[467] AFL.

se non comereite,
mázate meu leite,
mázate mía nata,
se non doute á gata. [468]

Moza que máza-lo leite
na cántara nova;
moita manteiga,
proveito da dona. [469]

Pepiño, Pepiño, Pepe,
cara de leite mazado,
a túa cara cho dice,
que es un gran desvergonzado. [470]

Vai calando, vai calando,
cara de leite mazado,
vai calando, vai calando
que o teu querer é escusado. [471]

Xa veu o tempo de tróupele tróupele
xa veu o tempo de troupelear
xa veu o tempo de maza-lo liño
xa veu o tempo de maza-lo pan
xa veu o tempo de tróupele tróupele
xa veu o tempo de troupelear
xa veu o tempo de maza-lo leite
xa veu o tempo do leite mazar. [472]

6.5.6. O leite callado

Consiste no produto semisólido resultante da coagulación do leite por acción do callo ou outros enzimas coagulantes, pero sen adición de fermentos lácticos (o que o diferencia do iogur) e sen o proceso de desorado (o que o diferencia do requeixo). A súa obtención doméstica era simple: deixábase o leite sen ferver, a temperatura ambiente, e ó día seguinte xa está callado.

5681 **anazada** *s.f.* Leite callado ou requeixo na fala dos vaqueiros de Alzada. (VLLM).

5682 **craullón** *s.m. Ú. m. en pl.* Coágulo de leite. (Bar-Co).

5683 **cuachada** *s.f.* Leite callado, cuallada. (Ibias2).

5684 **cuallada 1** *s.f.* Leite callado. (Cud5, Ibias1, Ibias3).

5685 **xaropo** *s.m.* Leite callado. (Com1).

5686 **atarabatao** *adx.* [Leite] cortado. (Ancares2).

5687 **atarabazao** *adx.* [Leite] cortado. (Ancares2).

5688 **atrastallado** *adx.* Ver TRASTALLADO /5719. (Piñei2).

5689 **atrincallada** *adx.* Ver TRASTALLADO /5719. (Consta.).

5690 **callada 2** *adx.* Ver CALLADO /5691. A nosa fonte escribe *cayada* en Razo. Temos, ademais, dúas informacións máis recollidas en Leir-A e Noice, onde realmente a nosa fonte defíneo como "leite costro". É posible que nestas localidades se designe o costro cunha expresión que parece aludir a un leite estragado, pero é sabido que, aínda que en aparencia o sexa, ben mirado é un leite perfectamente normal no comezo da lactación. (ILG: 59 (C:30, LU:6, PO:23)).

5691 **callado** *adx.* [Leite] coagulado trala liberación do soro pola acción do ácido. (Común. ILG:77 (C:49, LU:14, OU:2, PO:12)).

5691b **coado** *adx.* Ver CALLADO /5691. VITERBO di que no portugués antigo chamábanlle *leite escurrudo ó que na Beira-Alta chaman coalhada, da qual ja tem escorrido o soro ou parte aquea do leite: no Minho he o mesmo que nata, ou a parte mais crassa do leite.* (Lama2, RC, SCHU).

5692 **coallada** *adx.* Ver CALLADO /5691. (Barre., Cubi2, Fara., Rib-S, Vrei.).

5693 **coallado** *adx.* Ver CALLADO /5691. (Porto).

5694 **colludo 2** *adx.* [Leite] callado sen mazar. A nosa fonte dáo como substantivo (o que consideramos un erro), e ademais feminino. (Gun).

5695 **cortada 2** *adx.* Ver CORTADO 2 /5696. Aínda que o noso informante non o especifica, supoñemos que nas dúas localizacións leonesas se dirá "leche cortada". Chama a atención que en Viso1 se documente en feminino e en Viso2 en masculino. (Burgo, Caban., CarbCo., Codeso., CTui, Fol-LE, Oliv., Pedro., Ribad., Val-LE, Valad1, Valad2, Verdía, Viso1).

5696 **cortado 2** *adx.* [Leite] callado. (Antas3, Buga-A, Mon., Ribó, Viso2).

5697 **cuallada 3** *adx.* Ver CALLADO /5691. Nótese o feminino, que pode ser transgresión nun adx. ou ben ser subst. de sufixo *-ada*. (Alence, Arroxo,

[468] SCHU1/2/310. *Mía* é *miña* no galego oriental. No texto: *dout'á.*
[469] Carb-L:86; no texto: *mazas o leite.* AGA:130 e VS dáno como refrán.
[470] JASA:117 (Cant 762): *a tua cara ch'o dice, qu'es.* DBP:2287.
[471] Parade.:320.
[472] SCHU1/2/71a.

Carr-G, Incio, Laiosa, Meira2, Melias, Samos3, Verdu).

5698 **cuallado** *adx.* Ver CALLADO /5691. (Neves2, Ped1, Vixoán).

5699 **cuallao** *adx.* Ver CALLADO /5691. "Un gusto muy ancarés es el de tomar *o leite cuallao*, e incluso *os calostros*, es decir, la leche de la vaca recién parida durante los dos o tres primeros días" (Ancares2:97). (Ancares2).

5700 **espesa** *adx.* [Leite] callado. (Guil2).

5701 **mazada 2** *adx.* Ver MAZADO 2 /5702. (Baltar).

5702 **mazado 2** *adx.* [Leite] callado. (Busta).

5703 **perdida** *adx.* [Leite] callado. (Borre., Rama.).

5704 **peso** *adx.* [Leite] callado. ¿Será erro por *leite preso*? (Cer.).

5705 **presa 3** *adx.* Ver PRESO /5706. (Alla2, Arca, Cabal., Conxo, Gaxate, Lucí, Negr2, Oroso1, Ortoño, Verdu).

5706 **preso** *adx.* Ver CALLADO /5691. Crespo Pozo dáo como moi común. (Bas., Bidu., Calo, Casal., Com1, Couce., CP, Cruído, DRAG2, Eixo, ERG, Figue1, Figue2, Grixó, Grixoa, JMP, Lampón, Lous., Miñor2, Mour1, MVN, Oroso2, Ribe2, Rus, TapiaC, Xeve).

5707 **represa** *adx.* Ver REPRESO /5708. (Com4).

5708 **represo** *adx.* Ver CALLADO /5691. (Com1, XER).

5709 **tallada 2** *adx.* Ver TALLADO /5710. (Chan).

5710 **tallado** *adx.* [Leite] callado. (Coto2).

5711 **testo 3** *adx.* [Leite] callado. (Vill-O).

5712 **tomada** *adx.* Ver TOMADO /5713. (Enxames).

5713 **tomado** *adx.* Ver CALLADO /5691. *Co leite tomado e sen descremar fabrícase tamén requeixón* (Velle1:136). (Cal., Carbal., ERG, Lamas, Melias, Piñei2, Piñor, PSeca, Ram., Sabu2, Sabu3, Velle1, Xun., Xun2).

5714 **tourondo 1** *adx.* [Leite] callado. (Páramo).

5715 **trallada** *adx.* Ver TRALLADO /5716. (Camba., Codeso., Goián2, Laxosa, Morga., Pedro., Taboa.).

5716 **trallado** *adx.* Ver CALLADO /5691. (Antas3, Bolo, DRAG2, Goián, Negral, Parga, Peno., Ram., Vil.).

5717 **tramado** *adx.* Ver CALLADO /5691. *Falamos xa do 'leite mazado', que se obtén ó faguel-a manteiga. Cando ésta se lle non saca, tense o 'leite tramado', deixando o leite fresco nunha xerra ou nunha cunca dun día pra outro. O leite tramado cómese engadíndolle zucre. Chámase tamén 'leite callado'* (XLF:306). (Lobe., XLF).

5718 **trastallada** *adx.* Ver TRASTALLADO /5719. (Piñe., PSil).

5719 **trastallado** *adx.* [Leite] callado. (Veste).

5720 **trellada** *adx.* Ver TRALLADO /5716. (Cere).

5721 **xiprón 2** *adx.* [Leite] callado. (ERG).

5722 **apicarse** *v.* Callarse [o leite]. (Com1, Pantón).

5723 **apresoirar** *v.* Callar [o leite], cunhas pingas de *presoiro*, para facer queixo. (Cab., Com1, ERG, Gui., Gun., Mel1, Mra., San., Sob., Zolle).

5724 **atrincallarse** *v.* Callarse [o leite]. (Gun).

5725 **callar** *v. Ú. t. c. prnl.* Coagularse, solidificarse [un líquido], especialmente o leite e o sangue. Dise, por exemplo, de coagularse o leite (ben accidentalmente ou na fabricación do queixo). (Caa., Cab., Ced., Cod., Com1, Cur., Dum., ERG, Feás-A, Fri., Goián, Goián2, Gro1, Gui., JMP, Laxe, Mel1, Nove., Oirós, Razo, San., Sob., Toba, Vala).

5726 **coallar 2** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver CALLAR /5725. (Cal., Com1, Pantón, Porto).

5727 **cortar** *v. Ú. t. c. prnl.* Callar [o leite]. ERG dáno-las formas *cortarse*, que define como "separarse la parte mantecosa de la serosa, perdiendo su incorporación natural", e *cortar o leite* (s.v. *leite*), que define como "separa [sic] por medio de un ácido las partes serosas de las mantecosas". Ben mirado o leite cállamolo cun ácido, cunha planta (o callaleite) ou con coallo animal. Ben entendido que non se lle bota directamente ácido ningún senón cousas que conteñen ese ácido. (ERG).

5728 **cuallar 2** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver CALLAR /5725. (Burón, Gud., Gun., Mez., Porto, Ram., Xun.).

5729 **derramar 2** *v.* Callar [o leite]. (Piquín2).

5730 **desorarse** *v.* Cortarse [o leite]. (Gud., Mra.).

5731 **prender 3** *v.* Callar [o leite] para facer queixo. (Com1, Mel1, Mel2, Mra., San.).

5732 **presoirar** *v.* Callar [o leite] para facer queixo. (Cur.).

5733 **tomar 2** *v. Ú. t. c. prnl.* Callar [o leite]. *O mais do leite que se recolle consúmese ou véndese en fresco, anque tamén se reserva ás veces algunha parte pra fabricación da manteiga, que se obtén deixando que o líquido se tome, e mazándoo despois nunha ola de barro* (Velle1:136). (Velle1, Xun.).

5734 **trallarse** *v.* Callarse [o leite]. (CP, Mel1, Mez., Mon., Sardo., Ver1, Vil.).

5735 **trastallarse** *v.* Ver TRALLARSE /5734. Tamén se aplica ó sangue e outros líquidos que coagulan. (Lemos2, Ver1, Xun2).

5736 **trazar** *v. Ú. t. c. prnl.* Callar [o leite]. (ERG, MLP).

Pra vivir moito e san, comer leite callado. (RCI:111) [473]
Sol e auga, tempo da anazada. (VLLM:2,86) [474]
Sol e auga, tempo de leite callada. (ERG:auga)

[473] No texto: *sano, coallado*.

[474] Llópiz di que *anazada* é o nome do leite callado entre os Vaqueiros de Alzada.

Anda ti, vaite de aí,
cara de leite callado,
que tes tan boa barriga
que leva medio ferrado. [475]

As nenas de agora
cando van pra festa,
van tan rechamantes
que dá xenio velas,
e pola semana
andan no traballo
emboutado o fuciño
en leite cuallado. [476]

- Bexato, bexato
¿que levas n-o papo?
- Leite callado.
- ¿Quen cho callou?
- A filla do rei.
- Cala, cala,
que eu llo direi. [477]

-Bexato, bexato
¿que levas no papo?
-Leite callado.
-¿Quen cho callou?
-Marica do Rei.
-Cálate, cálate,
que eu llo direi. [478]

-Buxato, buxato,
¿que levas no papo?
-Unha cucharadiña
de leite callado.
-¿Quen cho callou?
-A filla do rei.
-Cálate, cálate,
que xa llo direi.
-Non digas non,
que xa llo volverei. [479]

Cala e vaite calando,
cara de leite callado,
levas ó teu pai a misa
nun borriquiño sin rabo. [480]

Cala e vaite calando,
cara de leite callado,
xa me dixo túa nai
que estabas encorreado. [481]

Cala, vaite calando,
cara de leite coado,
¿quen che ha de entregar
o fillo dun home honrado? [482]

Cara de leite callado
xa me dixo túa nai
que ías dormir ó faiado. [483]

Cara de leite coado,
o que ma min amolare
ha de salir amolado. [484]

Cara de leite coado,
o que me queira amolar
ten que saír amolado. [485]

Cara de leite fervido,
cara de leite asorado,
es capás ti de luxar
a cara dun home honrado. [486]

Cara de leite fervido,
cara de leite coado,
hanche de da-las azoutas
no convento de Sobrado. [487]

Cara de leite fervido,
cara de leite coado,
¿quen che ha de entregar a ti

---

[475] JPBII:91.2. No texto: *Anda tí, váite d'ahí, tès*. Explica que o ferrado vén equivaler a uns 17 litros, se ben varía duns lugares a outros e mesmo dun cereal a outro.

[476] TCha:35. No texto: *pra.*

[477] JPBII:185.1. No texto: *¿qué levas, n-o papo, Quén ch'o, filla d'o , ll'o diréi.*

[478] Mondo4:64, VS5. No texto: *Buxato, Qué, n-o papo, Quén, ch'o, d'o Rey, qu'eu ll'o diréi* (Mondo4). Lence Santar recolle este xogo dos rapaces do concello da Pastoriza, que o din cando ven voa-lo buxato (que identifica erroneamente co azor).

[479] RCI:99.

[480] Lama2:193.

[481] Lama2:193.

[482] VLQ2:340. No texto: *váite, de un*.

[483] SCHU5/2/232bis. No texto: *qu'ibas.*

[484] JPBIII:124.4. No texto: *m'a*. En nota explica que *coado* significa *'colado' según unos; 'coagulado' según otros.*

[485] RC:168.

[486] JASA:106: *d'un*. DBP:2212.

[487] SCHU5/2/227.

a filla dun home honrado? [488]

Cara de leite fervido,
cara de leite coado,
viñéchesme avergonzare
ó convento de Sobrado. [489]

Gaivota, gaivota,
¿que levas na bota?
-Leite callado.
-¿Quen cho callou?
-A filla do rei.
-¡Cálate, cálate!
que xa llo direi,
que lle roubaches
as chaves ó Rei. [490]

-Gato miñato,
¿que levas no papo?
-Leite callado.
-¿Quen cho callou?
-A filla do rei.
-Cálate, cálate,
xa llo direi. [491]

Miñato, miñato,
¿que levas no papo?
Leite colado.
¿Quen cho colou?
María Loulou.

Espera que aí vou! [492]

-Miñato, miñato,
¿Que levas no plato?
-Leite callado.
-¿Quen cho callou?
-Marica do Rei.
-Cala, cala,
que eu llo direi. [493]

Pola calle van dicindo
quén quer o leite que é bó:
si é leite que se prenda,
rapaza, tráimo acó. [494]

Ten vergonza, ten vergonza,
cara de leite tallado,
inda che hei mazar o lombo
co temoeiro do carro. [495]

Ten vergonza, ten vergonza,
cara de leite tallado,
levache teu pai á misa
nun burriquiño sin rabo. [496]

De moitos son despreciado
desque dou a boa cousa,
e antes estou tras do lume
tapadiño cunha lousa. [497]

O leite callado [498]

O raposo i o lobo [499] foron a cavar e levaron un puchero de leite callado pra comere ó xantar [500].

Pro o raposo, a pouco de empeza-lo traballo [501], púxose a berrar:

-¡Eí vou!... ¡Eí vou! [502]

-¿Quen te chama? [503]

---

[488] RC:136, Lama2:193. No texto: *d-un* (RC); *colado* (Lama2).

[489] SCHU5/2/229bis.

[490] Corme1:503. No texto: *callau* (cremos que é errata), *o rei*.

[491] MRV: 115.

[492] GB2:72. No texto: *qué, quén, colóu, ahí*. García Barros conta que isto llo cantaron *Alberte Quiñoi* e os seus amigos a un miñato que sobrevoaba as súas cabezas un domingo que ían ós niños, *antecipo en moitos sigros dos avións que ós poucos cruzarian aquel mismo espazo* (GB2b:93).

[493] DBP:304.

[494] JPBI:156.54. No texto: *Pol-a calle, bó, tráim'o acó*.

[495] Coto2:99.

[496] Coto2:99.

[497] O leite callado. PM:310.

[498] Mondo4: 140-142.

[499] No texto: *y-o lobo*.

[500] No texto: *ô xantar*.

[501] No texto: *d'empezal-o traballo*.

[502] No texto: *ehí*. Tamén no resto do texto.

[503] No texto: *Quén*. Tamén no resto do texto.

-*Chámanme no ceio* [504].
-*¿E que che queren?* [505]
-Bautizar un afillado.
-*Vai logo aló, que ó ceio non hai* [506] *que rebelarse*.
Marchou o raposo, colleu o pucheiro e papoulle a tona ó leite [507].
O lobo, cando voltou o raposo, perguntoulle:
-*¿E como lle puxeches?* [508]
-*Púxenlle Empezado.*
Seguiron cavando. O raposo logo berrou:
-*¡Eí vou!... ¡Eí vou!*
-*¿E quen te chama?*
-*Chámame miña comadre pra que lle bautice outro afillado.*
-*Vai logo aló.*
Camiñou o raposo, colleu o xarro, botou pola [509] gorxa abaixo unhos tragos e volveuse.
-*¿Como lle puxeches?*
-*Púxenlle Mediado.*
Volveu o raposo a berrar:
-*¡Eí vou!... ¡Eí vou!*
-*Pro, ¿quen raio te volve a chamar?* [510]
-*Chámame miña comadre para* [511] *que lle bautice outro afillado*.
-*¡Mala centella! ¡Cantos afillados! Pro... vai, vai logo aló.* [512]
Marchou o raposo e papou o leite que quedaba no pucheiro [513].
Ó voltar, perguntoulle o lobo [514]:
-*¿Como lle puxeches?*
-*Púxenlle Acabado.*
Chegou a hora de xantar; pro como o xarro estaba baleiro [515], puxéronse a rifar o raposo i o lobo [516].
-*Fuches ti* [517] *quen papou o leite, decía o lobo.*
-*Non, eu non o papei* [518], *que quen o* [519] *papou non foi outro máis* [520] *que ti*.
Por remate, acordaron que ó [521] que lle sudase a barriga, fora o larpeiro do leite [522].
Deitáronse no chao [523]. O lobo, como estivera cavando sempre, quedouse dormido; i o raposo [524], entón, mexou por el [525], despertouno e díxolle:

---

[504] No texto: *n-o ceyo*.
[505] No texto: *qué*.
[506] No texto: *qu'ô ceyo non hay.*
[507] No texto: *papoull'a tona ô leite.*
[508] No texto: *cómo*. Tamén no resto do texto.
[509] No texto: *pol-a*.
[510] No texto: *quén rayo*.
[511] Única vez que emprega a forma completa *para*.
[512] No texto: *cántos*.
[513] No texto: *n-o pucheiro*.
[514] No texto: *Ô voltar, perguntoull'o lobo*.
[515] No texto: *com'o xarro estaba valeiro.*
[516] No texto: *y-o lobo*.
[517] No texto: *tí*.
[518] No texto: *eu n-o papei*.
[519] No texto: *quen-o*.
[520] No texto: *mais*.
[521] No texto: *ô*.
[522] No texto: *d'o leite*.
[523] No texto: *n-o chao*.
[524] No texto: *y-o raposo*.
[525] No texto: *él*.

-¿Ves? ¿Ti ves [526]*? Súdache a barriga* [527]*. ¡Ti fuches, ti fuches* [528] *o que papou o leite! ¡Eres un bon larfón!*

6.5.7. A calleira

Para calla-lo leite utilízanse actualmente fermentos sintéticos, de composición e efectos controlados e seguros; pero no medio rural seguen utilizando coallo animal, feito dun fragmento do calleiro (estómago glandular) dos becerros ou, ás veces, do porco, conservado en salgadura ou afumado. Nas paredes deste órgano existe unha substancia, chamada quimosina ou fermento *lab*, que ten a propiedade de calla-la proteína do leite e permitir así a súa dixestión.

Recollámo-la forma que tiñan en Melide de prepara-la calleira para face-lo queixo [529]:

Para prepara-lo queixo, primeiro cólase o leite. Despois coállano, hoxe xeralmente botándolle "auga do leite", coallo artificial que se vende na botica, e antes, e agora tamén no tempo da matanza ou cando non hai auga de leite, co presoiro (bandullo ou estómago de porco). O presoiro prepárase cando se mata o porco, picando o bandullo ben miúdo, botándolle sal e póndoo nun pucheiro, onde se 'refai' durante oito ou quince días, e despois métese na bincha do porco e alí consérvase todo o ano, botándolle leite ou soro e curándoo no fumeiro. Cando se vai coalla-lo leite, quítase un torresno de presoiro, bótase noutro pucheiro con auga e déixase así de noite para empregalo pra a outra mañá.

Tamén Mariño Ferro menciona o uso da calleira, natural ou artificial, na elaboración do queixo [530]:

Para facer queixo aceleran o proceso de callado con presoiro caseiro o industrial. O caseiro obtéñeno da mucosa do estómago do porco ou, máis rara vez, do cabrito ou do año. Os estómagos destes animais segregan, durante a dixestión, uns enzimas -pepsina e quimosina, principalmente- que teñen a capacidade de descompoñe-la parte proteica dos alimentos. Os estómagos das crías dos ruminantes só teñen desenvolvido o calleiro, que segrega quimosina, moito máis eficaz que a pepsina en dixeri-la caseína do leite. Por iso, o mellor callo prepárase con estómagos de animais lactantes.



Callaleite (*Galium verum*).

[526] No texto: *Ti ves*.
[527] No texto: *Súdach'a barriga.*
[528] No texto: *Ti, tí*.
[529] Mel2:374.
[530] XRMF4:188.

A miúdo preferíanse diversas herbas capaces de tal efecto antes có coallo animal, porque a este hai quen lle apón que lle dá ó leite un forte olor e sabor. Son moitas as herbas callaleite que se utilizaron, pertencentes case todas elas á familia das compostas e, dentro destas, ó grupo dos cardos, entre os que podemos cita-lo cardo común ou cardo callaleite, *Cynara cardunculus*, ou o *C. humilis*, se ben pode utilizarse con este obxectivo calquera outra especie deste xénero. Outras herbas coa mesma capacidade de calla-lo leite son o callaleite, *Galium verum*, e outras especies deste xénero, como *G. aparine*, a herba leiteiriña, *Euphorbia serrata* [531], ou mesmo a figueira, *Ficus carica*.

A capacidade coagulante do *galium* ou do cardo leiteiro está amplamente recoñecida. A sinonimia popular do cardo común evidencia claramente o uso ó que nos referimos na fabricación do queixo: *cardo presoeiro*, en galego; *cardo-coalhador* e *cardo-do-coalho*, en portugués, *card de formargar*, *card formatger* ou *presó*, en catalá; ou *hierba de cuajo* ou *hierba de la cuajada*, en castelán. Tamén no caso do *Galium aparine* atopamos nas denominacións desta planta noutras linguas unha evidente coincidencia que indica o seu emprego para calla-lo leite: *erva-coalheira, erba-do-coalho, coalha-leite, presoiro*, en portugués; *herba col, herba colera, quallallet*, en catalán; *legarbelar* (de *legar*, callo, e *belar, bedar*, herba), *ziabelar hori* (de *hori*, amarelo, pola cor amarela que confiren ó queixo así obtido), *gatzagiesne* (de *gatzagi*, callo, e *esne*, leite), en eusquera; *cuajaleche, hierba cuajera, presera,* en castelán. O propio nome científico da planta, *Galium*, procede de *gala*, leite, e xa Galeno recollía este aproveitamento: *El galio ha usurpado tal nombre porque hace cuajar la leche cuando se introduce en ella* (FQ:750).

Esta propiedade débese á súa riqueza en ácido cítrico (o que explica que tamén estea recomendada como antiescorbútico), así como *por la presencia constante de los bacterios lácticos en la leche o de otros bacterios acidificantes aportados por los galios* (FQ:749-750).

A pesar do dito, Marcial Valladares (MVN), cando describe a *herba do rodicio* (outro sinónimo de *callaleite*), nega esta propiedade: *No cuaja la leche, como en un tiempo se creyó*. Tamén o fai Eladio Rodríguez (ERG: s.v. *herba*) ó recoller case textualmente a descrición de Valladares, aínda que anteriormente o afirmara en dúas ocasións: ó definir *callaleite* como *cuajaleche, variedad de cardo que tiene la propiedad de coagular la leche sumergiéndolo en ella*, e cando di na descrición do *cardo leiteiro* que *sirve para coagular la leche, de donde sin duda deriva su nombre*.

5737 **agana 1** *s.f.* Ver CALLALEITE 1 /5758. (ERG).

5738 **bucho 3** *s.m.* Calleira que se facía na casa, co bandullo do porco. (Goián).

5739 **calleira 3** *s.f.* Substancia que se obtén do calleiro dos ruminantes que aínda non pacen e que serve para calla-lo leite. (Común).

5740 **calleiro 2** *s.m.* Ver CALLEIRA 3 /5739. (Caa., Dum., ERG).

5741 **callo 2** *s.m.* Ver COALLO /5743. (GAL).

5742 **coalleira 1** *s.f.* Ver CALLEIRA 3 /5739. (ERG, ERQ, Xun2).

5743 **coallo** *s.m.* Substancia que se obtén do calleiro dos ruminantes que aínda non pacen e que serve para calla-lo leite. Ancares2 dinos que tamén se pode sacar da casca do salgueiro. (Ancares2, Mel2, Xun2).

5744 **coelleira** *s.f.* Ver CALLEIRA 3 /5739. (Xun2).

5745 **cuallada 2** *s.f.* Ver CALLEIRA 3 /5739. (Hermi.).

5746 **cualleira** *s.f.* Ver CALLEIRA 3 /5739. (CVer., Gud., Hermi., Mez., Piquín).

5747 **cuallo** *s.m.* Ver COALLO /5743. (Piquín, Xun., Xun2).

5748 **filame** *s.m.* Calleira feita do bandullo do porco. *A Ribeira de Piquín,/ ribeira de muita fame,/ o pouco leite que collen/ derrámano con filame*. (Piquín2, SCHU).

5749 **filamia** *s.f.* Ver FILAME /5748. (Piquín).

5750 **meigallo** *s.m.* Vexiga seca e afumada na que se conserva o callo de fabricación rural co que se calla o leite para face-los queixos no Cebreiro. (LCA1).

5751 **presoira** *s.f.* Ver PRESOIRO 2 /5752. (Piquín).

5752 **presoiro 2** *s.m.* Calleira para face-lo queixo elaborada co bandullo dos ruminantes. En Melide fana co bandullo do porco. *Para facer queixo aceleran o proceso de callado con presoiro caseiro ou industrial* (XRMF4:188). (CP, Cur., ERG, Feás-A, FMS, Fri., Gun., Lan., Lugo1, Mel1, Mel2, Pantón, San., Sob., XRMF4).

5753 **presoiro 3** *s.m.* Herba para coalla-lo leite. (Piquín2).

5754 **presura** *s.f.* Calleira para face-lo queixo. Hermi. di que é "leite utilizada para facer a cuallada". (Cur., Hermi.).

5755 **auga do leite 1** *s.comp.f.* Líquido producido pola maceración do estómago ou calleiro que calla o leite. (Cur.).

5756 **auga do leite 2** *s.comp.f.* Coallo artificial preparado quimicamente que se vende na botica. (Mel2).

[531] Cast.: *lechetrezna*.

5757 **auga do queixo** *s.comp.f.* Ver AUGA DO LEITE 1 /5755. (Cur., Mel1, San., Sob).

5758 **callaleite 1** *s.comp.m. Galium*, planta que se emprega para calla-lo leite. Con este nome desígnanse diversas especies do xénero *Galium*: *G. album*, *G. aparine* e *G. verum*. Valladares lematiza *callalèite* e remite a *H. d'o rodicio*. (FVG, MVN).

5759 **callaleite 2** *s.comp.m. Cynara cardunculus*, cardo común, tamén chamado, no que a nós nos interesa, *cardo presoeiro*. Eladio Rodríguez só di "variedad de cardo que tiene la propiedad de coagular la leche", polo que o clasificamos aquí, pero cómpre notar que logo como sinónimo *CALIO, Herba do rodicio*, e que cando describe a *herba do rodicio* faino transcribindo a descrición de Valladares, que considera esta *herba do rodicio* como *Galium verum* (ver). En canto ó sinónimo *calio*, Antón Santamarina anota no seu *Diccionario de Diccionarios* o seguinte: "Sospeitamos que é un erro por callo". A nós parécenos máis probable a influencia de *galio*. (DRAG, ERG, FVG:107).

5760 **cardo leiteiro** *s.comp.m.* Ver CALLALEITE 2 /5759. Eladio Rodríguez defíneo como "Cardo lechero, planta anual de la familia de las compuestas; florece en junio y julio; sus flores son purpúreas; es sudorífica y aperitiva; el receptáculo es carnoso y el tallo comestible. Sirve para coagular la leche, de donde sin duda deriva su nombre". (ERG).

5761 **cardo presoeiro** *s.comp.m.* Ver CARDO LEITEIRO /5760. (FVG:107).

5762 **herba coalleira** *s.comp.f. Galium verum*, herba que serve para calla-lo leite na feitura caseña dos queixos. (Parade.).

5763 **herba do rodicio** *s.comp.f.* Ver CALLALEITE 1 /5758. Obsérvese que MVN contradí a opinión común de que calla o leite. "(*Gallium verum*). Galio, Cuaja-leche amarillo, Hierba del rodezno; planta vivaz, perteneciente á la familia de las rubiáceas de Jussieu. ... Crece en los setos y en los fosos: florece en mayo y junio. Su olor es aromático y suave; el sabor, ligeramente austero y la planta, astringente, cefálica, antiepiléptica y antiespasmódica. No cuaja la leche, como en un tiempo se creyó" (MVN). (MVN).

5764 **tripa do *suero** *s.comp.f.* Calleiro. Botábano con sal nunha cunca de barro e soltaba un líquido que callaba o leite. En quince días fede. (Ctel7).

5765 **sementar 3** *v.* Poñe-la calleira [no leite] para callalo. *Tes que sementa-lo leite para o queixo*. (Xun2).

A Ribeira de Piquín,
ribeira de muita fame,
o pouco leite que collen
derrámano con filame. [532]

O día que haxa as partixas
a Manuela lle han de dar
unha vincha do presoiro
que teñen detrás do lar. [533]

6.5.8. O requeixo

Obtense callando o leite en moldes recubertos internamente de gasa para que escoe ben e deite o soro sobrante, sen presión; aínda así, mantén unha humidade do 70%.

Segundo un costume moi estendido, bótaselle ó leite o zume dun limón, para que coagule, e déixase nun lugar quente. O resultado é unha masa branda e manteigosa, afamada sobremesa elaborada a nivel particular para o autoconsumo, sobre todo no verán e outono aproveitando a calor para callar mellor o leite. Adoita engadírselle azucre ou mel e, ás veces, viño tinto.

Co leite tomado e sen descremar fabricase tamén requeixón, meténdoo nunha saqueta ou nunha servilleta que se deixa encolgada pra que decorra o soro. Iste requeixón cómese sempre engadíndolle unha certa cantidade de zucre. [534]

Outras formas tradicionais de elaborar este produto serían as seguintes:

O requeixo elabórano de dúas formas. Primeira: deixan leite callado un par de días, ata que se lle engurra e escurece a tona. Entón bótano nun pano branco ou nun saquete de liño para que escorra o soro. (Soen quitarlle a tona para que non atasque o pano de escorrer e logo engádenlla de novo á masa do requeixo xa escorrido).

[532] Piquín2; SCHU4/2/240.
[533] SCHU4/2/122.
[534] Velle1:136.

Segunda: a partir do soro sobrante da confección do queixo. É que o soro contén proteínas solubles en auga, pero que se volven insolubles coa calor. Abonda con quentalo a menos de cen graos para que esas proteínas se precipiten e se forme o requeixo. [535]

Cóllese o leite tal e como sae da vaca, deposítase nun recipiente e déixase sen tocarlle. Ós tres ou catro días ese leite está callado. Se ten moita nata, quítaselle algunha e ponse o leite a escorrer nun saco de yute, todo o soro cae e queda o verdadeiro requeixo. [536]

5766 **callada 1** *s.f.* Parte caseosa do leite que se separa deste formando unha masa propia para facer queixo ou requeixo. (ERG).

5767 **requeixo** *s.m.* Produto sólido de aspecto e textura branda que se obtén do leite callado. (Caa., Cab., Com1, Gun., Mra., XRMF4, Xun2, Zolle).

5768 **requeixón** *s.m.* Ver REQUEIXO /5767. (ERG, ERQ, Pantón, Velle1, XLF, Xun.).

5769 ***requesón** *s.m.* Ver REQUEIXO /5767. (Mon., Per., XLF).

5770 **arrequeixoarse** *v.* Callarse [o leite] e facerse requeixo. (ERG).

Á conta do burricón comémo-lo requeixón (Saudade) [537]

Auga e sol, tempo de requeixón. (ERG:auga) [538]

Cando chove e fai sol, é tempo de requeixón. (ERG:chover)

Chuvia e sol, tempo do requeixón. (VLLM:2,86) [539]

6.5.9. O queixo

O queixo é o produto sólido resultante da coagulación das proteínas do leite, a eliminación do soro resultante e a maduración posterior. Pode elaborarse a partir do leite de calquera femia doméstica aínda que aquí nos referiremos unicamente ó queixo feito co leite de vaca. Na identificación do produto, a denominación xenérica de *queixo* fai referencia exclusivamente ó obtido de leite de vaca, de modo que os obtidos a partir de leite doutras especies ou das súas mesturas denomínanse especificando o leite de orixe.

Constitúe o derivado lácteo máis importante, con diferenza sobre calquera outro. Como sistema de conservación e transformación do leite, a orixe dos queixos remóntase a miles de anos na historia da humanidade. Probablemente todo naceu vendo a maneira de utiliza-lo leite que se estragaba; posteriormente a humanidade debeu descubrir que había produtos vexetais ou animais que callaban o leite: así deberon de chegar á fabricación intencionada. É tradición que foron os celtas os introdutores da fabricación do queixo en Europa.

Segundo o proceso de fabricación, podemos dividi-los queixos en frescos e maduros.

Os queixos frescos non pasaron un proceso de fermentación (non sendo a láctica) e consómense ó pouco de finaliza-la elaboración, sen deixalos madurar. Ás veces permítese unha breve fase de maduración, de non máis de 30 días, dando lugar ó chamado *queixo tenro*. Son sempre queixos de consistencia branda e sabor agridoce, e deben elaborarse obrigatoriamente a partir de leite pasteurizado; deste xeito, evítase a posibilidade de que sexan o vehículo de enfermidades procedentes das vacas ou ovellas das que procede o leite.

Nos queixos maduros, en cambio, ademais da fermentación láctica propia, permítense outras fermentacións e transformacións durante máis ou menos tempo (dende unhas semanas a varios meses) que lles dan as súas características de olor, sabor, cor ou textura. Tamén se chaman queixos curados, afinados, madurados ou fermentados.

O queixo é un dos alimentos máis completos, no que se concentran practicamente tódolos nutrientes do leite, agás os hidratos de carbono, que se perden co soro. Resultan especialmente ricos en proteínas e en vitamina A. Os queixos maduros resultan máis nutritivos cós frescos porque, ó teren menos auga (35-50% naqueles fronte ó 60-70% nestes), presentan maior concentración dos principios inmediatos e subministran máis calorías.

---

[535] XRMF4: 187.

[536] MG-FC, información de Anxo López Sueiro, alcalde da Capela, onde se celebra desde 1989 a *Festa do Requeixo*.

[537] No texto: *A conta, comémolo.*

[538] O leite cállase doadamente nestas condicións, porque fai calor.

[539] Llópiz aplica este refrán ás ovellas que, entre abril e maio, cando desperta a primavera e alternan as tandas de sol e de chuvia, están no máximo de produción de leite e despois, en xuño, ó destetalas, volven quedar preñadas; cita var. *Sol e chuveiros, tempo de face-lo queixo*.

Como fórmula tradicional da elaboración do queixo podemos citar esta que recolle Mariño Ferro [540]:

A elaboración, tarefa feminina, comeza pola quenta do leite. Nunha pota quentan de 4 a 10 litros ata unha temperatura que oscila, segundo a época do ano, entre os 25 e os 45 graos. [...] Adoitan salga-lo leite mentres está a quecer cunha presa de sal gordo (de 5 a 15 gramos). No Cebreiro e nas casas de preparación máis coidadosa só salgan o queixo exteriormente.

Despois agréganlle o presoiro [541] e déixano preto do lume unha media hora ata que calle. Entón cortan o leite callado en anacos grandes cunha culler de madeira, cun coitelo ou coas mans. Apertan a masa coas mans durante uns dez minutos e a continuación póñena en moldes, nuns casos –tetilla e Ulloa- con lixeiras presións e noutros –San Simón- con presións máis fortes intentando conseguir unha maior adherencia entre os grans da pasta.

Ó sacalos dos moldes, alísanlle-la superficie coas mans molladas no soro aínda quente. As pezas de San Simón e de tetilla colócanas en cuncas de barro con buracos, para que escorran, e bótanlles sal. Así permanecen uns dez días. E, por fin, déixanos a secar no alzadeiro da cheminea, no hórreo, sobre palla de centeo...

5772 **carozo** *s.m.* Ver COROZO 1 /5775. (ERG).
5773 **coalleira 2** *s.f.* Parte caseosa do leite que se separa para face-lo queixo. (ERG).
5774 **coalleiro** *s.m.* Ver COALLEIRA 2 /5773. (ERG).
5775 **corozo 1** *s.m.* Anaco de leite callado co que se fai o queixo. (ERG).
5776 **dasbarrias** *s.f. Ú. m. en pl.* Queixo. No latín dos chafoutas. (XCC).
5777 **daxena** *s.f.* Queixo. Na lingua dos telleiros. (ALE).
5778 **formaxe 1** *s.m.* Queixo. (ERG).
5779 **queiso** *s.m.* Ver QUEIXO 1 /5780. (Goián).
5780 **queixo 1** *s.m.* Produto lácteo sólido elaborado co leite callado e salgado despois de lle extrae-lo soro. *Tampouco hai moitos queixos de leite de vaca, e os poucos que se ven son ruís. Eu coido que non os saben faguer, pois a leite non pode ser millor* (Cou3:20). (Común).
5781 ***queso** *s.m.* Queixo. (Ctel1, Gro1, Marín).
5782 **queixo do país 2** *s.comp.m.* A nosa fonte defíneo como "queixo feito na casa", se ben parecería máis lóxico que designase un queixo galego. (Parade.).
5783 **amelga de mau** *loc. s.* Queixo salgado, sacado da cunca onde desorou e posto a curar. (Piquín).
5784 **cacho de entrepernas** *loc. s.* Queixo. Úsase nas adiviñas. (PM:1065).
5785 **estañol de motrete** *loc. s.* Queixo de vaca. No barallete. No vocabulario que recolle Ramón e Fernández-Oxea non vén *motrete* como entrada, e tampouco o fan os outros colectores destas xirias. Cómpre lembrar que vaca é *liria*, no barallete. (Morei., XCC).
5786 **gosto de entrepernas** *loc. s.* Queixo. Úsase nas adiviñas. (PM:1065).
5787 **sustancia de entrepernas** *loc. s.* Queixo. Úsase nas adiviñas. (PM:112).
5788 **tallada de queixo** *loc. s.* Anaco de queixo cortado para comer. *Andar ás talladas de queixo*. (LT2).

6.5.9.1. Os ollos

Durante a maduración do queixo, o metabolismo de certas bacterias produce a liberación de cantidades variables de gas (anhídrido carbónico), responsable da formación dos ollos na masa do queixo. Nos queixos galegos non é característica a presenza destes ollos que, de telos, serían pequenos e moi escasos. Outros tipos de queixo, coma o emmenthal ou gouda, distínguense precisamente pola abundacia e tamaño dos ollos, pero tamén se presentan noutros moitos queixos.

5789 **ollo 2** *s.m.* Burato do queixo. (Goián, Gud., Laxe, Mel1, Mez., Vil., Xun.).
5790 ***casilla 3** *s.f.* Ollo do queixo. (Dum., Vala).
5791 **cerrado** *adx.* [Queixo] sen ollos na súa masa. (VS3).

6.5.9.2. Tipos de queixo

Os distintos tipos de leite a partir dos que se elabore, as proporcións empregadas nas súas mesturas, as técnicas de fabricación, tempo de maduración, tipo de microorganismos sementados etc., explican a enorme cantidade de tipos de queixo existentes en España e en todo o mundo. En España cóntanse máis de 75 variedades, das que só unhas 25 chegan a un nivel de produción digno de mención. En Francia a

[540] XRMF4:188-189.

[541] Nun traballo anterior especificaba máis: *Logo bótaselle un pouco coallo, é dicir, leite callada na barriga dun año ou becerro, ou un pouco de coallo industrial, mercado no comercio* (XRMF1:45).

variedade é tanta, que os franceses teñen a gala dicir que poden comer un tipo diferente de queixo cada un dos 365 días do ano.



Queixos galegos con denominación de orixe (Consellería do Medio Rural).

En Galicia contamos con catro variedades distinguidas con cadansúa denominación de orixe. Esta figura substitúe desde 1999 as antigas denominacións de *Productos Galegos de Calidade*, creadas a partir de 1983 e que amparaban as producións destes tipos de queixo, así como doutros produtos alimenticios. O obxectivo de outorgar a determinados produtos tradicionais, entre eles o queixo, esta figura de protección busca defini-las características do produto mediante especificacións precisas (na elaboración, composición e presentación) e o ámbito xeográfico de produción, evitando así falsificacións e enganos ó consumidor. Os produtores acóllense a estas denominacións buscando o valor engadido que achegan ós seus queixos.

QUEIXO TETILLA
DENOMINACIÓN DE ORIXE PROTEXIDA

Logotipo da denominación de orixe *Queixo tetilla.*

O máis coñecido é o **queixo *tetilla**, amparado baixo a *denominación de orixe protexida Queixo de Tetilla de Galicia* desde 1992 [542]. A zona de produción abarca todo o territorio de Galicia –e con leite galego- aínda que destaca o procedente das zonas de Arzúa, Boimorto, Cesuras, Curtis, Mesía, Ordes, Sobrado, Vilamaior, Vilasantar, Guntín, Monterroso, Palas de Rei, A Estrada, Lalín, Rodeiro e Vila de Cruces. O leite debe proceder de vacas de razas rubia galega, frisoa ou pardo alpina.

Faise de leite de vaca (natural e íntegro, sen costros nin conservantes nin restos de medicamentos); utilízase callo animal e caracterízase por ser fresco [543], cun período de maduración mínimo de sete días des que sae da salmoira. Ten codia branda -normalmente regañada- de cor amarelada ou abrancazada, sen balor; pasta branda e cremosa, de cor branca-marfil ou amarelada e cun airiño de acidez peculiar, normalmente cega ou con poucos ollos regularmente repartidos. O contido mínimo en materia graxa será do 45% sobre extracto seco. A forma, cónica ou convexo-cónica, dálle o nome, pola semellanza cun peito de muller, e o peso oscila entre 0,5 e 1,5 quilogramos.

[542] Orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do 20 de outubro de 1995 (DOG 7.11.95); Regulamento CE 1107/1996, de 17.06.1996 (DOCE do 21.06.1996) [http://mediorural.xunta.es/areas/alimentacion/produtos_de_calidade/queixos/queixo_tetilla/ 24.09.2009; http://www.queixotetilla.org/ 26.10.2009].

[543] O que esixe utilizar como materia prima leite pasteurizado.



Logotipo da denominación de orixe *Queixo de Arzúa-Ulloa.*

O **queixo de Arzúa** (para sermos exactos, de Arzúa-Ulloa) foi o primeiro en consegui-la denominación de produto galego de calidade, en 1989. A *denominación de orixe protexida* foille concedida en 1995 [544]. Elabórase na comarca coruñesa de Arzúa e a luguesa da Ulloa [545], onde se produce o leite e se elabora o propio queixo. O leite debe proceder de vacas da raza frisoa ou dos seus recastamentos con rubia ou pardo alpina.

Normalmente, os queixos de forma lenticular reciben tamén as denominacións de *país* (*queixo do país*), *patela* ou *queixo da Ulloa* [546].

A *denominación de orixe* admite tres tipos de queixo: o *queixo de Arzúa-Ulloa*, o *queixo Arzúa-Ulloa de granxa* e o *queixo Arzúa-Ulloa curado*.

O *queixo de Arzúa-Ulloa* elabórase con leite de vaca pasteurizado e presenta unha forma lenticular ou cilíndrica, cun diámetro de 10 a 25 cm e unha altura de 5 a 12 cm pero, en calquera caso, a altura non pode ser maior có radio. O peso das pezas oscila entre o medio quilogramo e os 3,5 kg. O periodo de maduración mínimo será de 6 días.

O *queixo Arzúa-Ulloa de granxa* pode elaborarse tamén con leite cru pero sempre procedente das vacas da propia explotación. A forma, tamaños e pesos son semellantes ós descritos no tipo anterior.

O *queixo Arzúa-Ulloa curado* elabórase con leite de vaca cru ou pasteurizado, cun periodo de maduración mínimo de seis meses. A forma é lenticular coa cara superior lixeiramente convexa, de 12 a 20 cm de diámetro e 3 a 10 cm de altura, cun peso que oscila entre 0,5 e 2 kg por peza.

As características organolépticas dos tipos frescos son similares ás descritas para o **tetilla*. Codia fina, elástica, de cor amarela, brillante, limpa e lisa; a pasta é de cor uniforme, branca-marfil ou amarela pálida, branda, con poucos ollos, pequenos e irregularmente repartidos. O tipo curado, polo contrario, presenta codia ben diferenciada, de cor amarela intensa e de aspecto graxo. A pasta, tan compacta que adoita romper en astelas no bordo do corte, ten unha cor amarela intensa, máis pálida no centro, de aroma moi intenso (a manteiga) e picante e de sabor agradable, pero forte e ácido, polo que acada ben co doce de marmelo, unha das sobremesas máis populares.

O contido mínimo de graxa é de 45% sobre extracto seco, nos tipos frescos, e de 50% no tipo curado.

Outras variedades do queixo de Arzúa, con características propias e producións locais moi reducidas, son o de **Orxal**, elaborado na aldea do seu nome, na parroquia de Calvos de Sobrecamiño, Arzúa; o de **Teixeiro**, propio desta parroquia do concello de Curtis; o de **Bama**, proveniente da parroquia do mesmo nome, no concello de Touro; o da **Illana**, moi manteigoso e con forma de *tetilla, propio da aldea do mesmo nome, parroquia de Fisteus, Curtis; e o de **Friol**, fresco ou curado, e de aspecto e sabor característicos.

O *queixo de nabo* ou *da nabiza* é unha variedade elaborada entre novembro e marzo, cando as vacas consomen hortalizas na corte, sobre todo nabos, que transmiten certo sabor propio ó queixo feito co seu leite. Disque o leite *é máis forte* e dá mellor queixo, mentres que o leite que quitan no verán *é máis frouxo,*

[544] Orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do 20 de outubro de 1995 (DOG 7.11.95) [http://mediorural.xunta.es/areas/alimentacion/produtos_de_calidade/queixos/arzua_ulloa/ 24.09.2009].

[545] Segundo o Consello Regulador da Denominación de Orixe: Arzúa, Boimorto, Boqueixón, Curtis, Frades, Melide, Mesía, Ordes, Oroso, O Pino, Santiso, Sobrado, Toques, Touro e Vilasantar, na provincia da Coruña, e Antas de Ulla, Carballedo, Chantada, Friol, Guntín, Monterroso, Palas de Rei, Portomarín e Taboada.

[546] Propio da comarca deste nome, o queixo da Ulloa celebra a *Feira do queixo*. Esta feira, que nacera en Monterroso en 1989, celébrase desde 1993 alternativamente en Monterroso, Antas de Ulla e Palas de Rei, os tres concellos que conforman a comarca da Ulloa. Pola súa banda, na primeira semana de marzo, Arzúa celebra desde 1975 a súa propia *Festa do Queixo de Arzúa*. Falando deste queixo presta ler en 16.2. o pícaro poema de Benito Losada titulado *Pol-as Pascoas.*

porque a herba é todo auga (e dan máis leite pero de peor calidade). Este *queixo da nabiza* adoita levar máis sal e ir máis prensado e, ó ser madurado durante 6-12 meses en huchas de madeira [547], entre o trigo e o centeo, faise máis duro que outras variedades. É o que desde 2004 se denomina *queixo Arzúa-Ulloa curado*.

Logotipo da denominación de orixe *Queixo do Cebreiro.*

En terceiro lugar, por tempo de maduración, citarémo-lo **queixo do Cebreiro**, o de fabricación máis reducida entre os catro queixos galegos importantes, limitada ó concello lugués de Pedrafita do Cebreiro e limítrofes (Baleira, Baralla, Becerreá, Castroverde, Cervantes, Folgoso do Caurel, A Fonsagrada, Láncara, Navia de Suarna, As Nogais, Pedrafita do Cebreiro, Samos e Triacastela). Foille recoñecida a *denominación de orixe protexida* en 1999 e está inscrito no rexistro da Unión Europea desde o 2008 [548].

Está elaborado con leite enteiro de vaca pasteurizado, ó que se lle pode engadir ata un máximo dun 40% de leite de cabra, e callo animal ou outro autorizado. A súa forma característica de cogomelo débese a que durante a elaboración se bota o leite callado nun molde cilíndrico de castiñeiro ou bidueiro e se cobre cun pano, estendéndose a parte superior a modo dun sombreiro. Ós poucos días, xa ben escoado o soro, sácano do molde e póñeno a secar no hórreo durante un mínimo de 45 días, no caso do tipo curado, aínda que existe tamén un tipo fresco cunha maduración mínima de dous días [549].

Normalmente mide 12 cm de altura ou menos, cun diámetro da base variable. O sombreiro terá 1-2 cm máis có diámetro da base e unha altura inferior a 3 cm. O peso oscila entre 0,5 e 2 quilogramos. As características da pasta varían segundo o grao de maduración. Nos queixos frescos a codia é pouco diferenciada (fina ou inexistente), sen balor, de cor branca ou amarelada; a pasta, branda untuosa e a textura graúda, arxilosa, sen ollos, de cor abrancazada e sabor tirando a ácido. No tipo curado, os preferidos de Álvaro Cunqueiro, a codia é forte (nos exemplares máis curados pode aparecer recuberta dun balor verde azulento) e a pasta amarela máis ou menos forte, de consistencia dura (desfaise ó corte) e sabor metálico ou mesmo picante canto máis tempo de maduración. O contido en materia graxa oscila entre o 45 e o 55% sobre extracto seco.

Logotipo da denominación de orixe *Queixo de San Simón da Costa.*

[547] Período de maduración ó que se debe outro dos nomes polos que se coñece este queixo: *queixo do ano*.

[548] Orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria do 5 de marzo 1999 (DOG 11.03.99); Regulamento CE 1014/2008 pola que se inscriben determinadas denominacións no Rexistro de Denominacións de Orixe Protexidas e de Indicacións Xeográficas Protexidas (DOUE 276, de 17.10.2008) [http://mediorural.xunta.es/areas/alimentacion/produtos_de_calidade/queixos/cebreiro/ 24.09.2009].

[549] Na web oficial da denominación de orixe (http://www.cebreiro.es/galego/00produc.htm, 19.11.2009) ilústrase graficamente o proceso de elaboración. Tamén se pode consultar nunha versión dirixida ós rapaces.

Finalmente, o **queixo de San Simón da Costa**, elaborado na Terra Chá, toma o nome do seu punto de orixe, a parroquia de San Simón da Costa, do concello lucense de Vilalba [550]. Posúe a *denominación de orixe protexida Queixo de San Simón da Costa* desde 1999 [551].

Comercialízase en dúas presentacións: grande ou común (de 13-18 centímetros de altura) e pequeno ou tipo *Bufón* (de 9-12 cm) cuns pesos medios de entre 0,8 e 1,5 kg no primeiro tipo, e de 0,4 a 0,8 kg no segundo.

É un queixo graxo, curado durante un mínimo de 45 días no tipo grande e de 30 días no tipo *Bufón*; afumado ó final da maduración (e para ben ser con casca ou labras de bidueiro sobrantes da fabricación de zocas, moi usadas nesa zona), de sabor forte e moi cotizado. A forma propia é cónica, de trompo.

A codia característica é dura, de cor amarela torrada, afumada, brillante, algo graxosa. Presenta unha pasta fina, graxa e semidura, branca amarelada, lixeiramente ácida, sen ollos ou con poucos ollos, pequenos e redondeados, irregularmente repartidos. O contido graxo será superior ó 45% do extracto seco, ata un 60%.

Mariño Ferro comenta que *xa Columela escribe loanzas dun queixo romano afumado con leña de maceira* (XRMF4: 189).

> *É tamén de non desagradable sabor un queixo endurecido con salmoira e coloreado despois con fume de achas de maceira ou con fume de colmo.* [552].

O de san Simón afúmase con leña de bidueiro. Falando dos queixos de San Simón, presta ler en 16.1 os versos de Manuel María titulados *Louvanza dos queixos de San Simón.*

Da sona deste queixo dá idea o feito de que a fins do século XIX (en 1897) xa se produciu unha falsificación en Cuba que denunciaba Juan Sierra Pando na revista *Follas novas* (FN:21, 24.10.1897, 3 [553]). Cen anos despois, outra demostración de calidade veu dada ó conseguir tres queixerías da Denominación os tres primeiros postos na categoría de queixo de vaca curado no Salón del Gourmet do ano 2007 [554].

Produción dos queixos galegos con denominación de orixe										
	(1)			(2)					(3)	
Denominación	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2007	2008
Arzúa-Ulloa										
Gandeiros	700	700	700					600	387	
Queixerías	21	21	20					18	19	
Produción (mil kg)	1.500	1.758	1.921	1.937	2.173	2.221	2.352	2.347	2.178	2.450
Tetilla										
Gandeiros	364	400	475					1.612	904	
Queixerías	22	24	24					34	31	
Produción (mil kg)	1.236	1.719	1.906	1.720	1.819	2.110	2.520	2.739	2.841	2.603

[550] A zona de produción está constituída pola comarca da Terra Chá, cos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Vilalba e Xermade. Orixinalmente só comprendía as parroquias de San Simón da Costa, Samarugo, Vilapedre e o lugar de Moreda na parroquia de Lanzós, todas elas do concello de Vilalba, e as parroquias de Balsa e Viveiró do concello de Muras.

[551] Orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria do 19 de novembro de 2004 pola que se aprobas o regulamento da Denominación de Orixe Protexida Cebreiro e do seu consello regulador (DOG 26.11.04), ratificado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación por orde de 17 de maio de 2005 (BOE 30.5.05) [http://mediorural.xunta.es/areas/alimentacion/produtos_de_calidade/queixos/san_simon_da_costa/ 24.09.2009; http://www.sansimondacosta.com/ 26.10.2009].

[552] *Est etiam non ingrati saporis muria praeduratus atque ita malinis lignis vel culmi fumo coloratus* (COLUMELLA: 7,8).

[553] *El queso de San Simón // Nuestro muy querido amigo Juan Sierra Pando, gallego honorario, como él dice y nosotros reconocemos con gusto, favorece á FOLLAS NOVAS con la siguiente carta, cuya importancia no cabe poner en duda, por más que el producto falsificado por nuestros vecinos, que tienen el raro don de imitarlo todo, pero empeorándolo, esté muy por encima de esas mistificaciones asquerosas: /// Sres. Editores de FOLLAS NOVAS // Mis distinguidos amigos y paisanos de honor: Poseído de profunda indignación me dirijo á ustedes con el fin de protestar desde las columnas de su simpático semanario contra el último y más irritante de los desafueros cometidos por los congéneres del protegido de San Antón. // Es el caso que esos desahogados falsificadores de todo lo falsificable, se han permitido la libertad de fabricar una especie de pasta sebácea que pretende imitar nuestro preciado queso de San Simón, al que usurpa el nombre. ¡Como si pudieran ellos, los hijos de la gran Cerdópolis, producir otra cosa que quesos de puerco! // Ya comprenderán ustedes queridos amigos, que en mi calidad de gallego honorario, me he sentido herido en lo más sensible del honor regional; pero no es eso lo peor, sino que, engañado por las apariencias, tuve la debilidad de probar aquella porquería y la herida que esto me causó en el estómago fué mayor y más dolorosa que la otra. // Háganme, pues, el favor de llamar la atención de sus lectores sobre el asunto, para que no caigan en las redes que á los incautos tienden esos audaces mistificadores; y háganme también el favor de decir á los últimos que no saquen las patas del chiquero, porque no están para presentarse en lugares públicos. // De ustedes siempre cordialísimo amigo.*

[554] "El mejor queso de vaca, en Vilalba", en *La Voz de Galicia* 27.04.2007.

San Simón da Costa										
Gandeiros	94	94	94					41	108	
Queixerías	6	6	7					7	8	
Produción (mil kg)	113	200	138	173	138	201	217	268	316	349
Cebreiro										
Gandeiros	10	7	10					3	7	
Queixerías	3	3	3					2	2	
Produción (mil kg)	22	33	26	28	27	24	25	21	22,1	28,3

▸ Fonte: (1) http://www.xunta.es/conselle/ag/orixe/.
(2) http://mediorural.xunta.es/alimentacion/produtos/ [3.02.2007].
(3] http://mediorural.xunta.es/alimentacion/produtos/producto.php?menu=2&op=ga&sv=13 [14:10.2008]

5792 ***tetilla** *s.f.* Ver QUEIXO *TETILLA /5806. Aínda que o VOLGa non admite esta palabra como normativa e non é este o lugar de discutilo, o certo é que no uso actual da lingua (e polo menos dende 1918) non parece haber alternativa para esta voz (como non a hai para *tortilla*, *rosquilla*, *guerrilla*, *zapatilla* e máis dunha ducia de casos semellantes) que teñen un sufixo que se adoita considerar como pouco galego e non sabemos se sempre con fundamento. (ERG, JMP, Pantón).

5793 **queixo da nabiza** *s.comp.m.* Ver QUEIXO DE NABO /5798. *Pois vai e dille á mamá que che veña mercar un ou dous* [queixos], *os que ela queira, dille que son da nabiza, moi limpos, de confianza, anda vai alí e dillo, antes que os venda, que os teño bos* (XVP2:153). (PBJ, VS, XVP2).

5794 **queixo da Ulloa** *s.comp.m.* Ver QUEIXO DE ARZÚA /5795. Realmente o *queixo da Ulloa* é a presentación plana, lenticular, do queixo da Arzúa, tamén denominada *país* e *patela*. (GEG, XRMF4).

5795 **queixo de Arzúa** *s.comp.m.* Queixo tipo *tetilla, aínda que tamén o hai plano, elaborado na comarca do mesmo nome. Cando non ten a forma típica de *tetilla, senón que se fai de forma lenticular, plana, recibe tamén os nomes de *queixo do país*, *patela* e *queixo da Ulloa*, propio da comarca deste nome. (ERG).

5796 **queixo de Bama** *s.comp.m.* Variedade de queixo de Arzúa, plano, elaborado na parroquia do mesmo nome, no concello de Touro. (PBJ).

5797 **queixo de Illana** *s.comp.m.* Variedade de queixo de *tetilla, moi manteigoso, propio desta aldea da parroquia de Fisteus, concello de Curtis. Corre a teoría de que este era o nome primitivo do actual queixo de *tetilla, por celebrarse neste lugar, alá por 1900, a feira máis importante deste queixo. (ERG, PBJ).

5798 **queixo de nabo** *s.comp.m.* Variedade de queixo do país, elaborado entre novembro e marzo, cando as vacas comen na corte, sobre todo nabos. ANV3 utiliza a elipse *un de nabo*. (ANV3, EGE, VS, XTC4, ZM).

5799 **queixo de Orxal** *s.comp.m.* Variedade de queixo de Arzúa, elaborado no lugar de Orxal, parroquia de Calvos de Sobrecamiño, concello de Arzúa. Parece ser que foi Rafael Llamas Tojo, propietario do pazo de Orxal, quen creou alí a primeira fábrica de queixo de Arzúa, en 1902. (ERG, PBJ).

5800 **queixo de Pedrafita** *s.comp.m.* Ver QUEIXO DO CEBREIRO /5804. Eladio Rodríguez describe como cousas distintas o *queixo de Pedrafita* e o *queixo do Cebreiro*. Tras falar do primeiro di o seguinte: "En el mismo ayuntamiento de Pedrafita se hace también el queso del Cebreiro", pero non explica realmente as diferenzas. Ningunha outra fonte consultada fala doutro tipo de queixo neste concello que non sexa o chamado *do Cebreiro*. (ERG).

5801 **queixo de San Simón** *s.comp.m.* Queixo propio da zona de Vilalba, de forma cónica, curado co fume de bidueiro e codia dura amarelenta. Recibe o nome da parroquia de orixe: San Simón de Costa, no concello de Vilalba, se ben a zona de produción abarca máis parroquias deste concello e do de Muras. (ERG, GEG, XRMF4).

5802 **queixo de Teixeiro** *s.comp.m.* Variedade de queixo de Arzúa, normalmente plano e elaborado nesta parroquia do concello de Curtis. (ERG, PBJ).

5771 **queixo de teta** *s.comp.m.* Queixo tradicional da comarca de Arzúa e Ulloa que pola súa forma evoca unha teta de muller. O poeta latino Marcial, nado en Bílbilis entre 38-41 d.C., xa fala das *metas lactantes*. Véxase a nota que poñemos á palabra *meda* na epígrafe 9.10.6.2. *A herba seca*. (ERQ1).

5803 **queixo de *tetilla** *s.comp.m.* Ver QUEIXO *TETILLA /5806. (Cur., ERG, GEG, XRMF4).


5804 **queixo do Cebreiro** *s.comp.m.* Queixo fresco, acedo, propio do concello de Pedrafita e limítrofes, caracterizado pola súa forma de cogomelo. *Puxémonos a cear ás dez menos coarto. Bon caldo de repolo lugués; xamón crudo, ben curado; logo as troitas fritidas con unto; despóis queixo do Cebreiro, moi*

gracioso, cheo de cocos. E por remate, un flan, que lle saíu mui ben á ama. O viño, lixeiro, da terra de Lemos, bebíase sin sentir (Cou3:141). Sorprende que diga que este queixo está cheo de cocos, palabra que el mesmo define como "vermes", xa que o que hoxe coñecemos como queixo do Cebreiro non ten traza deles. (Cou3, ERG, GEG, XRMF4).

5805 **queixo do país 1** *s.comp.m.* Ver QUEIXO DE ARZÚA /5795. (GEG, XRMF4).

5806 **queixo *tetilla** *s.comp.m.* Variedade de queixo galego, o máis común e coñecido, que figura un peito de muller. (Común).

Ver tamén no capítulo dos meses (12.3.6. *Xuño*) os refráns *Día de san Xuán, tanto queixo como pan* e paralelos.



Algo vale o queixo cando o dan ó peso (Siro).

A queixo e touciño, grolo de viño. (EGE:54) [555]
Algo vale o queixo cando o dan ó peso. (ERG:queixo)
O cardo e o queixo, ó peso. (ERG:cardo) [556]
O coiro e o queixo, mercalo ó peso. (ERG:mercar) [557]
O melón e o queixo, sempre ó peso. (ERG:melón)
Bocado de pan de queixo un pico, e da bota un bico. (XLRG:140)
Cacho pan, cacho queixo, mau, mau. (VS)
-Come pan con queixo, Freixo. -Sábelleme ben o queixo. (VS) [558]
Casamento de interés, queixo de moitos leites. (VS)
Chuvazo e soalleiras, desamecen as cenllas. (VLLM:2,86) [559]

[555] EGE: *groulo*.
[556] ERG: *i o queixo*.
[557] ERG: *i o queixo*.
[558] Véxase máis adiante o conto *O bo non é caro* no que se utiliza este refrán ou do que, se cadra, procede.
[559] Llópiz explica que en Curtis *chuvazo* é chubasco; *soalleira* é tanda de sol; *desamecer* é expulsa-lo *amece* (soro) os queixos prensados na cenlla.

Rola de sol, rola de chuveiro, xeira de face-los queixos. (VLLM:2,86) [560]
Sol e chuveiros, tempo de face-lo queixo. (VLLM:2,86) [561]
De san Martiño a abril mercar os queixos mil. (VS) [562]
No mes de abril fai queixos a mil. (MC:91)
No mes de abril fai queixos mil. (XTC4)
No mes de abril fai queixos mil e no de maio fai tres ou catro. (ERG:queixo; VS)
No mes de abril fai queixos mil, no mes de maio fai tres ou catro. (Camb1:47; Castre.)
No mes de abril fai queixos mil; no de maio, tres ou catro. (ERG:abril; VS)
O queixo e o barbeito, en abril ou maio sea feito. (ERG:queixo) [563]
Do queixo do Cebreiro comer ata o sombreiro. (JASA:338) [564]
Do queixo non me queixo, que me queixo do que deixo. (ERG:queixo) [565]
Festas, queixos e terneiros, os da vila de Teixeiro. (VS4)
Gando na corte, pouco leite e queixo forte. (Camb1:47; Castre.; AdC:25; XTC4; VS) [566]
O pan, con ollos; o queixo, cego; e o viño, anexo. (ERG:pan; VIÑO:28) [567]
O pan, con ollos; o queixo, cego; e o viño, vello. (XLRG:141)
O pan, con ollos; o queixo, sin ollos; o viño, que salte ós ollos. (ERG:pan; VIÑO:28; Camb1:37; ZM:171) [568]
O pan por lixeiro e o queixo por pesado. (VS) [569]
O queixo, cego; e o pan, ollado. (VS)
O queixo cego, o pan con ollos e o viño que chispe ós ollos. (Parade.:140) [570]
O queixo, sin ollos; o pan, con ollos; e o viño, que salte ós ollos. (VS) [571]
Pan con ollos e queixo sin ollos. (VS)
Pan con ollos, queixo cego e viño que salte ós ollos. (XTC4)
Pan con ollos, queixo sin ollos e viño que salte ós ollos. (SPP:218; VS) [572]
Pan liviano e queixo pesado. (VS). [573]
Queixo cego e pan olludo. (VS)
Queixo cego, pan con ollos e viño que salte ós ollos. (XTC4)
Queixo cego, pan olludo e viño que chispe no bullo. (Carb-L:222)
Queixo, curado; e pan, esponxoso. (VS4)
Queixo pesado, pan liviano. (EGE:49; ANV3; XTC4; ZM:216) [574]
Queixo sin ollos e pan con ollos. (Carte.)
Viño, que salte; queixo, que chore; pan, que cante. (ERG:viño; VIÑO:31; Morei:371; XTC4; ZM:249) [575]
O que non munxe marela, non fai queixo nin manteiga. (VLLM:1,148) [576]

---

[560] Llópiz: *facel-os*; explica que *rola* é tanda.

[561] Llópiz: *facel-o; ver nota a Chuvia e sol, tempo do requeixón*.

[562] VS: *mercaros queixos mil / mercarás queixos mil*. Saco comenta: *Porque con la abundancia y mejor calidad de los pastos, es mejor la leche. Son los quesos que se llaman 'da nabiza',* e engade os seguintes equivalentes: P.: *Em abril queijos mil, e em maio, 3 ou 4* (Chaves); C.: *Castanyes per Nadal, saben bé i es partixen mal* (Alberola).

[563] ERG: *i o barbeito, Abril, Maio*.

[564] Este queixo ten forma de fungo e supoñemos que o *sombreiro* de que fala o refrán é a parte superior dese queixo, que se pode ver tamén como un sombreiro ou, máis ben, gorra.

[565] Ver máis adiante a cantiga *Do queixo eu non me queixo...* e variantes.

[566] AdC e VS: *pouca leite*.

[567] VIÑO: *i o viño*; nótese a preferencia polo queixo fresco, sen ollos.

[568] ERG: *e o viño*. ZM: *aos ollos*.

[569] VS: *i-o queixo*.

[570] Pallares López explica o refrán deste xeito: *A amasadeira que amasa a fariña na artesa e envolve a masa en moletes sen traballala, quita o pan mácere. Cando non ten becerra e non está mácere sai olludo, con ollos*.

[571] VS: *i-o viño*. Saco ofrece os seguintes equivalentes: P.: *Pão com olhos, queijo sem olhos e vinho que salte aos olhos* (Chaves), *Pão que veja, vinho que salte, queijo que chore* (Chaves); E.: *El queso cieguecito, y el pan con muchos ojitos* (R. Marín), *El queso sin ojos y el pan con ellos, comellos* (R. Marín).

[572] SPP: *salt'os ollo*s. Saco: *El pan, con ojos; el queso, sin ellos; y el vino que sale a ellos* (Correas).

[573] Saco ofrece esta equivalencia: *El pan de poco peso, y de mucho, el queso* (R.Marín).

[574] Taboada presenta este refrán tres veces: nun caso di que o recolle en Lugo; noutro, do *Almanaque Agrícola ZZ* 1969; e no terceiro, d'*O Gaiteiro de Lugo*, 1966.

[575] XTC4: *e o pan*. ZM: *e pan que cante*.

[576] Llópiz recólleo en Vilacampa, en terras do monte Buio preto do Valadouro.

O que vende a la na ovella e o queixo na encella e o pan no agosto e o viño en mosto, a súa gaanza dá a outro. (VLLM:2,17) [577]
O queixo de outono cómeo seu dono. (VS) [578]
O queixo hase mercar na queixeira; e o trigo, na eira. (ERG:queixo) [579]
O queixo, na queixeira e o centeo, na eira. (ERG:queixo) [580]
O queixo, na queixeira, e o trigo, na eira. (XLRG:28)
O queixo millor é fresco, porque non está tan seco. (ERG:queixo)
O queixo sano é o que dá o avaro. (ERG:queixo; XMSH:138) [581]
Os millores queixiños: os de Curtis, Ulloa ou Bergantiños. (Carb-L2)
Pan duro, dente agudo; queixo mol, vaise ó fol. (RCI:124)
Queixo mol vaise ó fol, queixo duro vaise ó ventrullo. (VS)
Pan, xamón, touciño e queixo son os que enchen o pelexo. (VS) [582]
Por San Xoan cómese o queixo sin pan. (VS4)
Se queres que non che coma o queixo o rato, compra un gato. (VS)
Tanto o pan coma o queixo e tanto o queixo coma o pan, cómoo se mo dan. (ERG:pan)
Tanto pan como queixo, e tanto queixo como pan, ben o como se mo dan. (ERG:comer)
Tanto queixo como pan non se debe dar. (ERG:pan)
Tanto queixo como pan nunca se debe dar. (ERG:queixo)
Uvas con queixo saben a beixo. (Carb-L:197)
Uvas, pan e queixo saben a beixo. (VS) [583]
Val máis queixo de nabo, que catro de maio. (EGE:19)
Val máis un de nabo, que catro de maio. (ANV3) [584]
Val máis un queixo de nabo, que catro de maio. (XTC4; ZM:247, ZM:269; VS) [585]

Jacinto del Prado, probable pseudónimo dun etnógrafo de Lalín, publicou –como dixemos na introdución - no xornal local, *La Defensa,* unha serie de refráns e mesmo un *Diccionario*. Acontece que non poucos deses *refráns* aparecen só nesa colección e teñen tódalas trazas de seren adaxios de invención propia que el mete entre auténticos refráns fixados e consabidos polo pobo, coa evidente intención de mellorar moitos hábitos dos gandeiros, pero que parecen consellos técnicos de quen coñece métodos modernos de gandería. Entre eles están estes dous que nos chegan a través de Vázquez Saco:

Os queixos millores da primaveira en octubre véndense á carreira.
Queixo, leite, soros e requesós terás en abundantes provisiós.

Este último, por exemplo, é de discutible aplicación, porque non se poden acumular provisións de produtos tan perecedoiros coma o leite, o soro e o requeixo.

A rulín, a rulán...,
queres queixo,
queres pan;
se o queres
non o negues,
que as mulleres
cho darán;

a rulín, a rulán,
quero queixo,
quero pan. [586]

Arrolín, arrolán,
queres queixo, queres pan,
e se o queres non o negues

[577] Llópiz: *lâ* (sen artigo pero cremos que é inadvertencia, porque tódolos outros substantivos teñen artigo), *gaánza dai*. Recólleo en Padrón (A Coruña) e explica que o queixo aínda sen purgar na prensa desmerece de calidade e prezo.
[578] VS: *d'outono*.
[579] ERG: *i o trigo*.
[580] ERG: *i o centeo*.
[581] A este refrán, que tamén existe en castelán, non lle damos atopado unha interpretación convincente.
[582] Saco dá tamén a forma é o que enchen o pelexo, e ofrece este paralelo: *Pan, xamón e viño añexo son os que enchen o pelexo*.
[583] Saco dá os seguintes equivalentes: P.: *Uvas, pão e queijo, sabem a beijo* (Chaves); E.: *Uvas y queso saben a beso* (R. Marín).
[584] Refírese a un queixo feito co leite das vacas que comen as follas do nabo. No texto: *mayo*.
[585] Taboada recólleo d'*O gaiteiro de Lugo*, ano 1966, e do *Almanaque Agrícola ZZ* 1969.
[586] RCI:70.

que as mulleres cho darán.
Arrolín, arrolán,
queres queixo, queres pan. [587]

Chourizos e lengüizas, salpicóns e orelleiras
gharrafas de viño fino, ghaliñas das capueiras
e deita pró saco trigo e queixo
e viño do bo que é o noso desexo. [588]

Déano-lo aguinaldo
anque sea pouco
un bo bacalao
e mais metá de outro:
de postres compota
e tamén castañas
'boenas y bien grandes'
un molete enteiro
e un queixo de Flandes.
Diolo pague, Señora
Dios queira que de hoxe un ano
me dea usté 'el aguinaldo'
'con sus queriditas manos'. [589]

Décheme o bico do queixo
en señal de matrimonio
o queixo funcho comendo
casar contigho eu non podo. [590]

Do queixo, eu non me queixo,
que o queixo ben che me sabe,
quéixome da que mo vende,
que non mo deixa de balde. [591]

Do queixo non che me queixo,
que o queixo ben che me sabe,
quéixome da que mo vende
que non mo deixa de balde. [592]

Do queixo non che me queixo,
que o queixo ben che me sabe;
quéixome de quen o vende,
que non mo deixa de balde. [593]

Érgase, señora,
do banco de freixo,
vaia á súa hucha,
tráiano-lo queixo. [594]

Érgase, señora, do tallo de freixo,
vaia á queixeira, tráianos queixo.
Queixeira abaixo, queixeira arriba
¡Érgase, señora, tráianolo axiña! [595]

Esas que tratan nos queixos
teñen mui porcos os dedos,
si un pobre toma un bocado
no medio ha de encontrar pelos. [596]

Este queixo é queixo lan,
esta boca pide pan,
estes ollos pestenexos
agarra por aquí, conexo. [597]

Levántate, moza,
do banco de freixo,
vai á túa hucha
e tráeno-lo queixo. [598]

Para pan de trigo, Caldas;
para queixo, San Simón;
para empanadas, en Noia;
para lampreas, Padrón. [599]

---

[587] SCHU6/2/9b. No texto: *s'o queres, qu'as mulleres*. Tamén SCHU6/2/9a, coa forma *Arrulín iarrulán*.

[588] SCHU2/2/110; no texto: *qu'é o noso.* Os primeiros son todos produtos da matanza: *lengüiza* ou *lenguiza* é a carne picada para embutir, a zorza (en Ramirás, Xunqueira de Ambía e Vilardevós), e *orelleira* a parte da cachucha formada polas orellas e o fociño, salgados (na Mezquita). A cantiga foi recollida en Arzádegos, Vilardevós.

[589] JPBII:5-1. Obtido en Elviña, partido xudicial de A Coruña. No texto: *Déanol'o*, *d'outro, Dio-se lo pague, d'hoxe*.

[590] SCHU6/2/1721. No texto: *déchem'o, contigh'eu.*

[591] VLQ2:221. No texto: *da quen mo vende*.

[592] RC:102.

[593] MVN:476, DBP:656. No texto: *D'o queixo* [*queixa*?], *queijo, qu'o queixo, bèn, quéijome, quèn, non m'o deija* (MVN); *qu'o* (DBP).

[594] MRV:120.

[595] Capela.:136. Di que é variante de: *Érgase, señora do seu sentadeiro,/ vaia ao touciño, fágalle un cambeiro,/ cambeiro abaixo, cambeiro arriba,/ ¡Érgase señora, tráianolo axiña!*. Supoñemos, polo tanto, que o terceiro verso debe reconstruírse como o facemos nós.

[596] VG:23.01.1991. Esta cuarteta forma parte dun *Cantar de cego* de comezos de século XX.

[597] DBP:1817.

[598] MRV:120.

[599] DBP:3280, ALC:299. No texto: *Noya* (ALC). De vello vén a sona do queixo de San Simón, hoxe distinguido coa etiqueta de Denominación de Orixe Protexida.

Por culpa daquela nena
hei de ir ó santo san Breixo,
que está na beira do Ulla
esperando polo queixo. [600]

Se queres que o carro cante,
bótalle o eixe de freixo;
se queres que a filla case,
pon no corredor un queixo. [601]

Se queres que o carro cante
bótalle o eixe de freixo;
se queres que o amor veña
dálle talladas de queixo. [602]

Se queres que o carro cante,
bótalle o eixe de freixo,
se queres que o home veña
dálle talladas de queixo. [603]

Se queres que o carro cante,
bótalle o eixe de freixo;
se queres que o mozo veña,
dálle talladas de queixo. [604]

Se queres que o carro cante,
bótalle o eixo de freixo,
se queres ter un bo mozo
dálle talladas de queixo. [605]

Se queres que o carro che cante,
bótalle o eixe de freixo;
se queres que o amor te queira,
dálle rebadas de queixo. [606]

Un pouquecho de pan dondo
con bo queixo imos comer,
(non seas tan reparada
que naide cho ha de saber). [607]

Velaquí estas galiñas,
estes pichós e coellos;
este mel, esta manteiga,
estes ovos, estes queixos. [608]

Regueifa [609]**:**

Eu vou cambiar de historia
entrando nas primaveras
que inda me quedou atrás
*que temos vacas *lecheras.*
*Nós temos vacas *lecheras*
qu'eu voute desengañare
pero o leite no-o sen
sei que no-o queren paghare.
Pághano a catro pesos
víras'un algho ó rovés
polo mérito que tén
debían paghalo a dese.
Pra manter nós esas vacas
hai que ter entendemento
vende-lo leite tan dado
quen o caus'éo Entamiento.
O Untamento no-o causa
hasme falar con locer
xa ten traballos abondo
nese non se vai metere.
O conto do Entamento
como non son aparvado
ou ha se-lo Entamento
que se non mándall'o'Stado.
Eso das vacas lecheras
manadas polos camiños
e ialghún vainas manter
por os serros dos veciños.
S'algún vén prá miña leira
eu heite desengañare
cunhas palabras ben feitas
eu pens'o de despachare.
Pro anque lle chames nomes

[600] MRV:82.

[601] VS.

[602] DBP:2218, TCha:64, JASA:106 (Cant 630), JPBI:175.72, Zolle:220, Cur:255, XLF3:50. No texto: *botall'o* (DBP); *dalle* (TCha); *bótall'o*, *dalle* (JASA); *Si queres qu'o*, *bótall'o*, *e si queres qu'o*, *dalle* (JPBI); *botall'o, qu'o amor, beña, dalle* (Zolle); *botalle, dalle* (Cur.); *dalle* (XLF3). Rielo Carballo (TCha) utiliza a forma *quexo*, que explica en nota como localismo por *queixo*. Normalmente emprégase madeira de freixo, ou de loureiro, para face-lo eixo do carro típico do país, porque disque só esta madeira produce o renxer característico dun carro ben feito e co que se pretende, tanto estimula-los bois na súa andadura, como avisar a calquera outro carro que veña pola mesma corredoira.

[603] MRV:42.

[604] VS: *si*.

[605] RC:103, VLQ2:221. No texto: *dalle* (VLQ2).

[606] VS: *qu'o carro, bótall'o eixe, qu'o amor*.

[607] JPBIII:74.21. No texto: *bó, ch'ha*.

[608] Fragmento dunha panxoliña datada en 1793 e recollida por Bouza Brey (FBB6).

[609] Regueifa entre Calviño e Celestino, recollida en 1980 en Ponteceso. SCHU5/2/26, pp. 19-20.

s'o home non é formal
vaille tirando da corda
a vaca pacend'iguale.
Percis'un litro de leite
como debes comprendere
vou a xunta do labregho
a mais non m-o quer vendere.
Daquela n-é boa xente
vouche conta-lo que pasa
ti s'é que percisas leite
ven por el á nosa casa.
Ti tés dúas vacas boas
qu'eu tamén o hei falare
pro seghún teñ'entendido
sei que non es moi leitare.
Moito leite non o dan
son moi estreitas ó lombo
hai pro pra mantert'a ti
penso qu'han de dar abondo.
Un detalle coma iese
eu Calviño xa o vin
polo vist'inda tempera
per'o leite é moi ruíne.
O leite fai boa nata
díghocho de contadiño
manteigha i ás dúas voltas
nesa casa de Calviño.
Pois a tela desa forma
o detalle xa o vin
cánto me podes cobrare
facerme un queixo pra minhe.
Aseghún quéira-lo queixo
miremos do que se trata
non vaias pedirme un queixo
inda máis ghrande cá vaca.
Eu queríach'un bo queixo
pra esto non hai romedio
s'é que mo podes facer
pois de dous kilos e medio.
Eso no-é nincún milaghro
no-o repites outra vez
se non chegan dous e medio
aínda cho fagho de tres.
Hasme de facer un queixo
xa te conozo na testa
pa manter tod'a familia
aló no día da festa.
Pois xa imos quedar neso
non temos máis que falare
o antes-vispra da festa
se queres mand'o buscare.
Pois daquela vou por el
xa qu'o queixo queda ben
e de paso vou por el
lévochos cartos taménhe.
Por ser pr'on día da festa
mir'ao que che vou contar
tratarse de dous amigos
pois xa non cho vou cobrare.
Se non me queres cobrare
non quero ser embustero
qu'anque nós semos amighos
pois de balde non cho quero.
Pois se no-o queres de balde
non vin cuadro coma el
eu vendercho xa non quero
daquela pasa sin ele.
Ti cobrar valo cobrare
qu'eu mentírah non ah digho
asta mo débeh vendere
e cobralo com'amigho.
Pois veno buscar se queres
qu'eu heicho de facer ben
ha de ser queixo con ghusto
porqu'o leite vale benhe.
Home eu xa non m'engaño
qu'eu tamén o hei falare
porqu'esas herbas de Tallo
polo visto son leitares.
Son herbas de muito leite
herbas de boa nabiña
e no'stán con herbas solas
qu'as vacas comen fariña.
Ahora heiche decire
ti xa sábe-lo que fais
a fariña non a ven
ti daslle peixe a no máis.
**Piens'aló xa non o ven*
qu'eu son de boa nabiña
*eu pra qué ll'hei comprar *pienso*
s'é máis caro cá fariña.
Díxom'a min o Xirifo
qu'asta hai ben que falare
qu'eu chegh'á cas de Calviño
e ten moito que paghare.

- Boas tardes, meu amo
¿como lle vai con eso que lle colga?
Séntese nestes tríngules, míngules
que lle darei manxares do cu
e substancia de entrepernas.
- Non veño a eso, rapaza,
que veño se podo meter
o meu pelado no teu peludo. [610]

[610] PM:112.055. O home saúda a unha rapaza que está fiando e pídelle que lle deixe mete-lo seu cabalo no prado e ela dille que recolla o caiado e agarde a que estea en sazón mentres lle ofrece queixo (feito con leite ó que chama *substancia de entrepernas*); os *manxares do cu* son ovos.

- Boas tardes, rapaciña
coa súa bimbirimbela;
veño ver se me deixa o seu goloso
pra meter o meu deseoso.
- Felices teña vostede,
recolla eso que lle colga
e déixeo enverdecer
que eu llo deixarei meter;
mais séntese que lle fago uns chischirismisches
coa substancia de entrepernas. [611]

- Boas tardes, rapaciña, con iso que lle empadorca.
- Boas tardes, señorito, con iso que lle encolga.
Pase vostede e séntese nestes trínguilis-mínguilis
que vai probar manxar do cu e gosto de entrepernas.
- Non podo que veño de parte de meu pai
pra que lle deixes o teu arregado
pra meter o seu arrubiado.
- Dígalle a seu pai que está rapado de pouco,
que o deixe enverdecer
e despois xa o pode sacar e meter. [612]

- Bos días, meu amo,
séntese eiquí neste ringalarángalo
*e comerá uns *besaculos cun cacho de entrepernas.*
- Non, señora, non veño a iso,
veño a que me deixe meter o meu deseoso
no seu verdeoso.
- Non señor, que está de recén rapado,
deixeo enverdecer e, despois, véñao meter. [613]

O morto está deitado
e o preso atado;
vén o vivo ceibar ó preso,
érguese o morto
e mata ó vivo. [614]

O morto está enterrado
o preso atado;
vén o vivo soltar ó preso,
i érguese o morto
e mata ó vivo. [615]

Redondiño, redondiño,
como a pedra dun muíño. [616]

Redondo coma un queixo
e chirla coma un coello. [617]

Son redonda coma un queixo
e teño o rabo dereito. [618]

O queixo do Señor Francisco [619]

Unha tarde un labrador foi á casa do señor Francisco e era moi amigo de cheas. Despois de falar entre eles algún tempo, o señor Francisco convidouno a comer un bocado, puñendo na mesa unha botella de viño do Ribeiro, un molete de pan e un bo queixo do País aínda enteiro.

O labrador, sin facerse o roghado, comeu tallada tras tallada case todo o queixo deixando así cuma a terceira parte. Bebeu viño de abondo [620] e sigheu falando cuma se nada fora. Colleu outro cacho, e outro, e outro astra que pouco máis deixou que o prato. Despoñéndose a acabalo dixo:

---

[611] A mesma solución cá anterior. PM:112.055.

[612] O home pide mete-lo cabalo no prado. PM:1065.599.

[613] O home pide mete-lo cabalo no prado. PM:1065.599. No texto: *ringalarangalo* (que supoñemos palabra esdrúxula, porque esdrúxulas son tódalas palabras baleiras que hai en lugares paralelos: *trínguilis mínguilis*).

[614] O *morto* é a mureira; o *vivo*, o rato; e o *preso*, o queixo. PM:565. No texto: *ven*.

[615] O *morto* é a mureira; o *vivo*, o rato; e o *preso*, o queixo. APG:126.

[616] O queixo. APG:170.

[617] A roldana do pozo. PM:858, APG:115: no texto: *coenllo*.

[618] A tixola. PM:942.

[619] Procede do Arquivo do ILG. Informante: Francisco Taboada (65 anos), natural de Santa Comba e veciño de Santiago de Compostela.

[620] No texto: *d'abondo*.

- *¡Este queixo 'tá manífico!*

O señor Francisco, que estuvera vendo como o seu queixo se iba, quitoullo de diante e díxolle:

-*Tamén é manífico o Santismo Sacramento e mais resérvase.*

O bo non é caro [621]

Pra moitas persoas, non hai millor queixo que o [622] queixo do país; ise que pola [623] forma que lle dan adóitase chamar *tetilla*. Eu aláudolles o gusto, porque reconezo que efeutivamente [624], é un bo queixo o que se fai na nosa terriña. Mais pra min, onde esté [625] o queixo de bola, que non se fale doutros [626].

Cada un ten o seu gusto, e pra satisfacer ise gusto meu, nunca falla un queixo de bola antre as lamberetadas que hai [627] na miña despensa.

Agora, con esta [628] amaldizoada guerra europea, andan moi escasos os queixos de bola, porque non hai barco que os traia de Holanda [629]. Mais así e todo, o tal queixiño non falla nunca na miña mesa. E iso que o derradeiro que merquei, saíume caro de abondo [630].

Por iso pasei ista mañán unha berrinchada, que non sei como non adoecín, ó ver [631] que un larpeiro mo estrozaba [632] igoal que si fora un anaco de broa.

Teño eu un compadre en Gulanes, home de certa infruencia, que me serviu de moito nunha [633] andrómina en que andiven [634] metido por culpa dun [635] mal viciño. O tal compadre conseguiu arregrarme o conto, e ista mañán mandoumo dicir nunha cartiña que me trouxo o seu criado. A cousa era de grande importanza pra min, e ó recibir a carta, alegreime moito.

Como non tiña diante ó compadre, pra demostrarlle o meu agardecimento, quíxenllo demostrar ó criado, e non coidei que houbera [636] millor maneira de facelo que ousequiándoo cun anaco [637] do queixo que eu [638] tiña en tanta estima. A máis diso [639], o rapaz viñera correndo, i un reparo pró corpo [640] non lle faría mal.

Mandeille, pois, servir o queixo, acompañado dun bo anaco de pantrigo e dun xarro cugulado do millor viño da miña adega.

O queixo estaba soio [641] encomenzado, i en [642] dous sopapos, o ladrón do rapaz chegoulle ó medio. Púxenme a tremer polo meu postre máis estimado, porque o lampantín ameazaba deixarme sin migallo.

- *Así che sirva de solimán*- decía eu pro [643] meu chaleque, cada vez que lle vía cortar unha rabanada.

---

[621] ARE: 2-3. No texto: *bó*. Igualmente no resto do texto: *é un bó queixo*, *bó anaco*.
[622] No texto: *qu'o*. Igualmente no resto do texto: *qu'o derradeiro*, *qu'os traya*.
[623] No texto: *pol-a*. Igualmente no resto do texto: *pol-o meu postre*, *pol-o baixo*, *pol-a nosa terra*.
[624] No texto: *qu'efeutivamente*.
[625] No texto: *: mín, onde está* (sic).
[626] No texto: *d'outros*.
[627] No texto: *antr'as lamberetadas qu'hai*.
[628] No texto: *co-esta*.
[629] No texto: *traya d'Holanda*.
[630] No texto: *d'abondo*.
[631] No texto: *ô ver*. Igualmente no resto do texto: *ô recibir*, *ô compadre*, *ô criado*, *ô medio*, *ô mozo*, *ô queixo*, *ô meu queixiño*, *ô pescozo*.
[632] No texto: *qu'un larpeiro m'o estrozaba*.
[633] No texto: *n-unha*. Igualmente no resto do texto: *n-unha cartiña*.
[634] No texto: *qu'andiven*.
[635] No texto: *d'un*. Igualmente no resto do texto: *d'un bo anaco*, *d'un xarro*, *d'unha vez*.
[636] No texto: *qu'houbera*.
[637] No texto: *de facelo, que ousequiándoyo c-un anaco*.
[638] No texto: *qu'eu*.
[639] No texto: *d'iso*.
[640] No texto: *y-un reparo pr'ó corpo*.
[641] No texto: *soyo*.
[642] No texto: *y-en*.
[643] No texto: *pr'o*.

Pra máis dor da miña ialma [644], aquel acabador do meu regalo, concruíu [645] por deixar o pantrigo e comer soilo queixo. Isto deu cabo da miña pacencia, e pra ver si podía ter man na ruína que ameazaba [646] ó meu queixiño, achegueime ó mozo, e díxenlle:

- *Come pan tamén.*

- *¿Pra que?*- respondeume. - *O queixo soilo ben me lle sabe*.

- *Así che saiba a peste negra*- escramei polo baixo.

- *¿Cómo di?*

- *Nada, home, nada: que che aporveite.*

Nisto vin que o coitelo [647] tornaba outra vez ó queixo e dixen cuasque por máquina:

- *¿Ti sabes que iste queixo é de Holanda?* [648]

- *Ben se conece, porque iste ben de Deus non se dá* [649] *pola nosa terra*.

- *¿E non sabes que agora* [650], *coa guerra* [651], *xa non vén ningún de aló* [652]?

- *Non o sabía, mais alégrome sabelo, pra non perde-la ocasión de comer ben del* [653].

Cando tal resposta lle oín [654], déronme tentacións de lle bota-las mans [655] ó pescozo, e fecharlle dunha vez aquela gorxa que era [656] pra min como a boca das caldeiras [657] do inferno. Mais non sei que santo me contivo, e inda dixen máis:

- *¿Sabes canto me costou?*

- *Non debeu ser pouco.*

- *¡Nove pesetas!*

- *Cando unha cousa o val, non é caro canto se dea por ela*- dixo engulindo o derradeiro anaco do meu queixiño [658].

O mono xuíz [659]

Aconteseu unha ves que dous ghatos fixénose un día nun mesón cun queixo xeitoso pero, como non daban coa maneira de partilo xustamente, acordano ir onda un mono que se sonaba que era moi bo xués. E nada. Alá fono. O caso é que, en canto cheghano alá, expricánolle o seu conto, de como querían que lle fixera as partillas o máis xustiño que soubera.

O puñetero mono, que a máis de listo era dos da manca ancha, colleu unha pesa e partindo o queixo, xa con pillería, fixo un cacho máis ghrande que u outro. E doulle unha chantada ó cacho máis ghrande. E, claro, resulta que despois encolghaba máis do outro lado. Vai e ca misma volveulle a dar outra do outro. E despois outra. Pero a pesa non se axustaba.

Os ghatos, que xa tiñan os morros inchados, dixénolle:

- Pero ¡en que estamos, ho! Nós non lle trouxemos o queixo pra verllo comer senón pra que o repartise. Así que déanos os cachos, anque un sea máis ghrande có outro.

E dixo o mono:

- A xustisia é xustisia. E xa vos podedes marchar, que o queda tócame a min polos ghastos do proseso.

---

[644] No texto: *dör* (sic) *da miña y-alma*.
[645] No texto: *concruiu*.
[646] No texto: *n-a ruina qu'ameazaba*.
[647] No texto: *N-isto vin qu'o coitelo*.
[648] No texto: *qu'iste queixo é d'Holanda*.
[649] No texto: *da*.
[650] No texto: *qu'agora*.
[651] No texto: *co-a guerra*.
[652] No texto: *ven ningún d'aló*.
[653] No texto: *perdel-a ocasión de comer ben d'él*.
[654] No texto: *ll'oín*.
[655] No texto: *botal-as mans*.
[656] No texto: *qu'era*.
[657] No texto: *pra mín com'a boca d'as caldeiras*.
[658] No texto: *queisiño* (sic).
[659] Procede do Arquivo do ILG. Informante: Engracia González Rodríguez (75 anos), natural de Reboiras, Laíño, concello de Dodro.

O queixo das catro esquinas e a fonte de Ana Manana [660]

Preto do cabo do Meimón, seguindo a corrente do Miño, vai un nacente de auga de entre uns penedos, ó lado de arriba da estrada que vai de Ourense para Castrelo. Este manantial, que era "taberna" dos labregos que ían para Ourense, é coñecido co nome de *a Fonte de Ana Manana*, nome que tomou dunha popular e vella lenda.

Alá en tempos moi remotos, un dos moitos galegos que ían á sega a Castela, ó vir de volta, topou no camiño cun señor moi luxoso, o cal lle preguntou ó galego de onde era; este contestoulle que era de Ourense. O señor preguntoulle, entonces, se tiña algún coñecemento do Meimón.

-*Todas as veces que lle vou a Ourense co rianxo ou pagar a renda ou a contribución pásolle por alí* - díxolle o galego.

Entonces o señor, quitando un queixo de catro esquinas, díxolle:

-*¿Ti queres ser rico?*

-*Eu quero, quero; si, señor, pero...*

- *Pois mira* -díxolle o señor- *non tes máis que ir ó Meimón e, ó chegar* [661] *onda unha fontela que hai nuns penedos ó pé* [662] *do camiño berras: "¡Ana Manana!" e á terceira vez hache de aparecer unha muller moi bonita e elegante. Entonces ti dáslle este queixo e ela hache de entregar parte dos tesouros que alí ten gardados*.

- *Se non é máis que iso...*

-*Tes, tamén, que gardar o segredo e ter conta que o queixo lle chegue enteiro, porque, se non,* [663] *pódeche traer moi malas consecuencias*.

-*¡Iso bo é de facer!*

O noso galego segiu o camiño para a súa casa, bailando nun pé só de contento... e tremando co medo se os ladróns lle saían ó camiño e lle roubaban o queixo.

Antes de chegar ó Meimón meteuse por un atallo cara á casa porque o desexo de abrazar a muller e bicar os fillos sobrepuxaba ás ansias de riqueza. Mais [664], como as mulleres son tan sabichosas e a del [665], que ó tempo andaba "daquela maneira", antoullóuselle saber o que tiña envolto nun paquetiño. El buscou mil voltas por llo non ensinar, dicíndolle que era un encargo que se non podía ollar, que sequera el mesmo sabía o que era; e ata lle prohibiu que o tocara; mais ela, sen sabelo o home, desenvolveu o paquete e, ó ve-lo queixo, antollóuselle e arrabanoulle unha esquina.

O home colleu o queixo, sen decatarse do que a muller fixera, e dirixiuse con el de cara ó Meimón. Ó chegar á fontela chamou "¡*Ana Manana*!" e á terceira vez apareceulle unha muller maxestosa, que mesmo semellaba unha raíña con cara de anxo; pero viña furiosa e preguntoulle por que a chamaba. Contestoulle el que lle quería dar un encargo que lle mandaba un home que el non coñecía (e entregoulle o queixo).

-*¡Si, home, si; fixéstela boa...! Este é o cabalo que me había de levar a min de aquí: mais ti fuches primeiro á casa e a larpeira da túa muller coméulleme unha pata.*

E dicindo isto pousou o queixo no chan e ó instante volveuse un precioso cabalo branco... pero faltáballe unha pata enteiriña.

-*¡Olla para aquí...!* -díxolle ela- *agora teño que quedar aquí para sempre, xunto cos tesouros que tamén a ti che habían tocar... Toma esta faixa de picote e ponlla á túa muller cando sexa para dar a luz: non che podo facer outro regalo*. E coa mesma desapareceu ela e o cabalo.

Dispúñase el a marchar para a casa; mais ocorréuselle, primeiro, envolverlle a faixa a unha sobreiriña que alí había, para ollar que ben lle estaba. ¡A bo santo se encomendou! Aínda ben non acabou de lle dar a última volta, cando xa ardeu a faixa e a sobreira.

Dende entón a sobreira non volveu a medrar máis; pois din os vellos que sempre a acordaron tan felosa como aínda se pode ver hoxe.

---

[660] AAN: 15-16.

[661] No texto: *, e ó*.

[662] No texto: *pe*. Tamén no resto do texto: *bailando nun pe.*

[663] No texto: *porque senón*.

[664] No texto: *Mais como*.

[665] No texto: *a del que ó tempo andaba daquela maneira,*.

Esta foi a orixe do nome cabalístico que dende o tempo leva a fonte do Meimón.

Padre, que o queiman! [666]

Houbo unha Misión nun lugar, e resulta que lle regalaron un queixo ón flaire cando entraba no confesonario e foi e meteuno pra drento.

Entre os que se foron a confesar, foi un rapá [667] que era máis traste que o mesmo trasgo, e que arramplou co queixo na pirmeira emposta.

O flaire foi confesando ó rapá polos Mandamentos, e cando chegou ó sétimo, perguntoulle:

- *Tu* [668] *arroubache algunha cousa?*

- *Non, padre* –respondeulle o rapaz.

- *Ora miro ben* [669]*; porque arroubar é deixar ir a facenda a facer daño; arroubar é ir ás cereixas i as mazás* [670]*; arroubar é atopar unha cousa e non volverlla ó seu dono... Tu, se fixeche algunha cousa destas* [671] *ou semellante, dimo, que eu non te podio descubrir anque me queimen.*

Estonces o rapaz díxolle ó flaire:

- *Pois, mire, padre; eu acábolle de arroubar o queixo que osté tiña gardado no confesonario* –respondeu o rapaz. E cuas mesmas botou a andar eirexa adiante, cara á porta, co queixo debaixo do brazo.

O flaire botou fóra [672] do confesonario, berrando:

- *¡Ladrón!* [673]*... Trai pra acá o queixo*.

O rapaz non deixou de fuxir ó tempo que decía:

- *¡Cale padre, cale!... ¡Que o queiman!* [674]

O corvo e a vella [675]

Unha vez era unha vella e fixo un queixo. Ela esperando que lle viñeran os familiares, coidando nel, e foino poñer na ventana a curar. Deixou a ventana aberta e veu un corvo e marchoulle co queixo.

E despois, decíalle ela:

-*¡Ai, que ladrón! E levoume o queixo… Mira, corviño, se cantaras moito m'había de gustar. Si cantas tan ben como es bonito, ha de dar gusto oírte.*

Pero o corvo marchaba co queixo. A vella a poder de lle decir máis veces:

-*Mira que xa che digo por bonito que es, dá gusto se cantaras, había de dar gusto oírte.*

E foi o corvo e quixo cantar e caeulle o queixo do peteiro, e foi a vella e colleullo e díxolle:

-*¡Ala, jódete, e vaite por aí…! O queixo agora e meu.*

O criado e o xastre [676]

Outro xastre, que tamén andaba polas casas a coser —son chistes así—, tamén tiña un criado. Pero había que andar moi económico, e polas tardes dábanlles queixo con pan. Entonces o xastre dicíalle ós da casa:

-*¡Non, non, ó criado non lle ghusta!* —para que non ghastara tanto.

---

[666] LP2:36.

[667] Nesta ocasión e na seguinte escribe *rapá*, pero no sucesivo escribe *rapaz*.

[668] No texto: *tú*. Igualmente no resto do texto.

[669] Sic: *Ora miro ben.*

[670] Sic: *ás cereixas* pero *as mazás*.

[671] No texto: *de éstas*.

[672] No texto: *fora*.

[673] O orixinal non abre co signo de admiración.

[674] O orixinal non abre cos signos de admiración.

[675] CNC:72-73. Recollido en Fondós, Cerdedo, Pontevedra, de Billermina, de 87 anos en 1997.

[676] CNC:340-341. Recollido no Valeo, Ortigueira, A Coruña, de Antonio Canoura, de 86 anos de idade en 1998.

Comía o pan solo, o criado a rabiar. Non sabía con que perjudica-lo xastre, pero estudiouno. E unha vez que foi dar un paseo o xastre, díxolle ós da casa cando lle dixeron a el:

-Has d'aprendere que ese é un bon xastre, has de aprender ben que…

-Si, pero é máis pelighroso, que pode estragha-lo encargho; cando lle dá (…). *¡Ai, Dios mío! cando corta...* —Entón o xastre cando cortaba facía como as tixeiras ca boca. Entonces el aproveitou iso e díxolle:

-Usté hase fixare, e cando vexa abrir-la boca, que lle vai dar o mal.

Entonces a da casa vigilaba sempre cando cortaba un pantalón ou tal. E cando estaba cortando e daba así á boca, dixo:

-¡Ai!, siéntese un pouquiño que…, vaille dar o mal.

-¿Que mal?

-Eh…, ¡ande siéntese!

-¿Pero, que mal me vai dar?

-Bueno, díxome o seu criado que a usté que lle daba un mal, e si lle dá aghora cortando no (…) *pódemos estraghare*.

Dixo:

-¡Ande, señora, váiase tranquila, que non hai tal mal!

E así que se foi, díxolle ó criado.

-¡Con que…, a min dáme un mal, eh!

E díxolle o criado:

-¡Con que… a min non me ghusta o queixo, eh!

O zorro e o queixo [677]

Encontráronse unha vez un can e un zorro, e anque o can e o zorro non se levaban moi ben, alí fixéronse amigos, e iban andando e conversando, e dille o can ó zorro:

-¿Óeme, ti almorzaches?

-Pois non, eu non -díxolle o zorro-*, que hoxe a caza andivo mal e non din collido nada.*

-Pois eu tampouco, agora que vin alá un queixo nunha ventá.

E foron alí, pero ningún dos dous daba collido o queixo, porque lles quedaba moi alta a ventá.

E entonces o zorro dixo:

-Mira, para coller o queixo a mellor forma é que me coloque eu enriba dos teus ombreiros, porque ti es máis ancho. Eu collo o queixo e despois comémolo como bos amigos.

E, claro, foi o zorro púxose enriba do can e colleu o queixo, pero agarrouno e largouse correndo. Entonces o can, coa fame que tiña xa se lle abría a boca, dixo:

-¡Bueno, bueno!, traballos de agora adiante pola miña propia conta, que os negocios a medias traen uns paus tremendos.

6.5.9.3. O soro

Xa vimos que coa coagulación do leite para a elaboración do queixo sepáranse dúas fraccións: por unha banda o coágulo de caseína, que arrastra a graxa e as proteínas e que será o que dea lugar ó queixo; e por outra o soro, líquido transparente de cor amarelenta verdosa e sabor dulzón. O compoñente máis característico é a lactosa ou azucre do leite, nunha concentración do 4,5% aproximadamente.

5807 **almece** *s.m.* Soro que sae dos queixos ó apretalos no cincho. (ERG).

5808 **amece** *s.m.* Ver ALMECE /5807. (VLLM).

5809 **soro** *s.m.* Líquido seroso que se separa da parte coagulada do leite. (Común).


5810 ***suero 1** *s.m.* Soro. (Goián, Gud., Hermi.).

5811 **desamecer 1** *v.* Expulsa-lo *amece* ou soro [os queixos prensados na cenlla]. (VLLM).


5812 **desorar** *v. Ú. t. c. prnl.* Quitarlle o soro [ó requeixo]. Este labor facíase envolvendo o queixo nun pano de liño e meténdoo nunha fonte fresca. (CP, Hermi., Lan., Lemos2, LP, Mez., Piquín).

[677] CNC:439-440. Recollido en Castro, Escuadro, Maceda, Ourense, de Juán Manuel González, de 75 anos de idade en 1997.

6.5.9.4. Trebellos



Ola para bate-la manteiga (Xaquín Lorenzo: *Historia de Galiza*).



Centro Etnográfico de Soutelo de Montes (Forcarei, Pontevedra)

Para trata-lo leite e elabora-los seus derivados precísanse diferentes elementos ou trebellos, que imos ir vendo cos seus nomes. O proceso é complexo pero a tradición foi creando un estándar que se transmite rigorosamente pola práctica familiar e a tradición oral. Sirvan de introdución e pequeno exemplo estes dous textos dos Ancares que falan do *boto* ou *bouto*:

> *Collen un pellello d'úa cabra ou d'úa ovella, ía liévan'o ía pélan'o muy peladito ía, despois, átan'i'as petas, quítanlle a cabeza ía atan'o por eiquí, ía'l cú da ovella, despois átan'o c'un garabullo, ía cura aquel tres ou catro meses ou cinco, ía fain a manteiga qu'é esta manteiga qu'hay* (Ancares2:198).
>
> *Tamén antes cuidébaschi a facélo boto pra mazá-lo leite porque como non chi había outro invento nin outra leiteira, pois, claro, eiquí as mulleres íbanse dando maña de mazar no bouto el leite, n'aquel bouto qu'era das ovellas ia mitían o focín dentro'l bouto ia despois ese leite pouco me gusteba, porqu'a algúas caíalles o pingo dentro, ia'l leite téin que ser un leite muy fresco, pero ese era un leite muy dexoxo* (Ancares2:265).

5813 **bateador** *s.m.* Ver BATEDOR /5814. (Razo).

5814 **batedor** *s.m.* Instrumento de madeira para bate-lo leite. (Com1, Dum., Sob).

5815 **boto** *s.m.* Odre de pel de cabra ou de ovella no que se maza o leite para face-la manteiga. *Para facé la manteiga, collen'o leite cuando véin de muxi'las vacas, ía có'an'o para úa ola, ía cuáyasi aquel leite, ía quítanlli'a nata por riba, que levanta úa cabeza'isí, ía quítanlla, ía, despois, aquél mázan'o n'un boto do pellello d'úa ovella ou d'úa cabra ou del que sea*. (Ancares2:198).

5816 **calleira 4** *s.f.* Recipiente para calla-lo leite. *Na montaña lucense gusta moito o leite callado. Prepárano nos meses cálidos, entre a Ascensión e san Lucas. Deixan a pota con leite na cociña, que é o lugar con máis quentura; se a hai, déixano na calleira. Ó día seguinte xa está callado o leite*. (XRMF4:187).

5817 **calleiro 4** *s.m.* Lugar onde se pon o leite para que calle. (Feás-A).

5818 **cenlla** *s.f.* Ver CINCHO /5820. (VLLM).

5819 **cenlleira** *s.f.* Ver CENLLA /5818. (VLLM4).

5820 **cincho** *s.m.* Molde no que se prensa o leite callado durante a elaboración do queixo, para que escorra o soro e colla forma. (ERG).

5821 **conco 1** *s.m.* Ver CUNCO 1 /5823. (Ped1).

5822 **cunca** *s.f.* Peza de madeira con que se tapa a ola de maza-lo leite. Ten un burato no medio para a roda. (Lemos2).

5823 **cunco 1** *s.m.* Recipiente pequeno para maza-lo leite. (Incio).

5824 **encella** *s.f.* Molde ou prensa para purga-lo leite callado e face-lo queixo. (ERG, VLLM).

5825 **feridoira** *s.f.* Batidora para face-la manteiga. (AG-AO).

5826 **fervedeiro** *s.m.* Pucheiro parecido á canada e no que se pon o leite a ferver. (Ram1).

5827 **filidoira** *s.f.* Ver FERIDOIRA /5825. (Vigo-O).

5828 **firidoira** *s.f.* Ver FERIDOIRA /5825. (AG-AO).

5829 **formaxe 2** *s.m.* Molde para face-lo queixo. (ERG).

5830 **leiteira 2** *s.f.* Recipiente para recoller e transporta-lo leite. (Cab., Ced., Cod., Com1, CP, Cre., Cur., ERG, Feás-A, Fri., Gro1, Incio, JMP, Lama-B, Laxe, Mon., Pantón, Ram., San., Sob., Ver1, Xun.).

5830b **malaxador** *s.m.* Ver MALAXEADOR /5830c. (JRC4).

5830c **malaxeador** *s.m.* Aparato que se usaba nas aldeas contra 1932 para amasa-la manteiga "Raras veces se practica [en Galicia] el mazado o golpeteo de la nata para agrupar los granos de manteca, mediante los aparatos llamados mantequeras y mucho menos son empleados en Galicia los *malaxeadores*, para amasar y lavar la manteca, dándole forma de pastillas o de bloques al producto obtenido. Elaborándose partidas pequeñas, generalmente, se practican las operaciones del mazado y lavado, en una fuente de barro o plato, trabajando la manteca con una espátula ou una cuchara de madera, añadiendo agua limpia, que arrastra la leche aprisionada en la masa de la manteca, no dándose por terminada la operación, hasta que salga el agua transparente. Estas partidas de manteca de elaboración casera se les da forma de bollos o rollos, envolviéndose en una hoja de col o en una rama de helecho, expendiéndose en las ferias de la región. Desde hace años, unos cuantos comerciantes adquieren los rollos de manteca en las ferias y con un *malaxador* [sic] vuelven a amasarla, lavarla y salarla, dándole colorante y en envases de muy buena presentacion, es enviada al interior de España y a varios mercados del Centro y Sud América"(JRC4:776-777). (JRC4).

5831 **manteigueira** *s.f.* Vasilla na que se bate o leite ou a tona para face-la manteiga. (ERG).

5832 **mazadoira** *s.f.* Vasilla, de madeira ou de lata, na que se fai e garda a manteiga. (ERG, MLP, XRMF4).

5833 **mazador** *s.m.* Ver MAZARELO /5835. (Escu).

5834 **mazarela** *s.f.* Ver MAZARELO /5835. (Mra.).

5835 **mazarelo** *s.m.* Útil de cociña formado por unha rodiña e un mango para bate-lo leite ó face-la manteiga. (Anllo, Cal., Lemos2, Pantón).

5836 **mazarica** *s.f.* Ver MAZARELO /5835. O noso

informante de Sete-L explica que a *mazarica* é un pau duns 50 cm, cunha peza redonda de madeira nunha punta e que serve, entre outras cousas, para mazar ou face-lo leite. Esa rodela serve para extrae-la manteiga. (Ped3, Sete-L).

5837 **mazarico** *s.m.* Ver MAZARELO /5835. (Cal., Incio, Lemos2, Trives).

5838 **nateira** *s.f.* Máquina de elabora-la manteiga coa nata. (Arcos).

5839 **nateiro 1** *s.m.* Trebello para maza-lo leite. (Gui.).

5840 **ola** *s.f.* Vasilla para gardar ou maza-lo leite. (Cal., Ced., Com1, Gui., Mel., San., Suarna, Vala).

5842 **parafusa** *s.f.* Pau de madeira que se usa para maza-lo leite. *Para bate-lo leite [...] bótano nunha ola de barro e póñeno ó lume. Cando está morno, báteno de arriba a abaixo cun pao semellante a un fuso -a parafusa- ata separar unha parte líquida -o leite mazado, que tamén toman- e unha parte callada, que logo amasan para forma-la manteiga* (XRMF4:186). (Ced., Drago., Sob., XRMF4).

5843 **parafuxa** *s.f.* Ver PARAFUSA /5842. (Ped1).

5844 **púcara** *s.f.* Ver OSA /5841. (Larón).

5845 **pucheira** *s.f.* Vasilla para bate-lo leite. (Nove., Ram.).

5846 **queixeira 1** *s.f.* Vasilla de barro na que se gardan e conservan os queixos. (ERG).

5847 **queixeira 2** *s.f.* Taboleiro sobre o que se deixan os queixos. (Mra1).

5848 **queixeiro 2** *s.m.* Gaiola de varios departamentos para a cura e conservación do queixo. Vai pechada cunha tea metálica para protexe-los queixos dos insectos e cólgase no cabazo ou un sitio onde lle dea o aire. (Arcos).

5849 **roda** *s.f.* Ver MAZARELO /5835. (Lemos2).

5850 **rodela 3** *s.f.* Ver MAZARELO /5835. (Xun2).

5851 **rodo** *s.m.* Ver MAZARELO /5835. (Ibias1).

5852 **tomba** *s.f.* Aro de madeira para lle dar forma ó queixo. (Mra1).

5853 **trello** *s.m.* Batedor de manteiga. (ERG).

5854 **callaleite 3** *s.comp.m.* Ola de barro para calla-lo leite. (Cab.).

5855 **cunca da ola** *s.comp.m.* Coberteira da ola na que se recolle o leite, cun burato no medio por onde se mete o mazarelo para mazalo. (Parade., Sete-L).

5856 **zapa da ola** *s.comp.f.* Coberteira da ola de mazalo leite, feita de bidueiro, e cun burato no medio por onde se mete o mazarelo. (Parade.).

O que vende a la na ovella e o queixo na encella e o pan no agosto e o viño en mosto, a súa gaanza dá a outro. (VLLM:2,17) [678]

Quen vende a fariña e o queixo na encella, ou viño en mosto, e o trigo en agosto, súa ganancia dá a outro. (VS) [679]

O queixo hase mercar na queixeira; e o trigo, na eira. (ERG:queixo) [680]

O queixo, na queixeira e o centeo, na eira. (ERG:queixo) [681]

Mentres o tío Xoán
vai e vén,
a tía Marica
aberta lla ten. [682]

A cazola de queixo chea de ouro [683]

Isto que me contaron sei que foi un feito real anque sucedeu hai moitos anos.

Había na Fraga da Lata un labrador que se arrimou ós facciosos (perturbadores que armados intimidaban ás xentes coas súas ameazas e feitos) e andivo por aí con eles dun lado para outro facendo escaramuzas, disputando e reñendo coa xente de ben.

---

[678] Llópiz: *lâ* (sen artigo pero cremos que é inadvertencia, porque tódolos outros substantivos teñen artigo), *gaánza dai*. Recólleo en Padrón (A Coruña) e explica que o queixo aínda sen purgar na prensa desmerece de calidade e prezo.

[679] Saco explica que *encella* é o *molde en que se hacen los quesos, y no figura en nuestros diccionarios; lo suponemos importado, con el refrán, del castellano*, e ofrece o equivalente castelán: *Quien vende la lana en la oveja, y el queso en la encella, y el pan antes de agosto, y el vino en uva o mosto, él pierde y medra el otro* (R. Marín). Non atina Vázquez Saco ó dicir que non figuraba no tempo del nos dicionarios, porque xa aparecía no de Cuveiro (1876), no de Porto (1900 pero daquela inédito), no de Filgueira (1926) e no de Eladio Rodríguez que certamente Vázquez Saco utilizou, polo menos, en manuscrito.

[680] ERG: *i o trigo*.

[681] ERG: *i o centeo*.

[682] O cacharro de maza-lo leite. PM:542. No texto: *ven*. Outras variantes recollen os nomes de tío Antón e tía Marixoana.

[683] MINI. Recollida a Dª María Blanco en Lanzá (Mesía).

Un día pola mañá e sen lle dicir nada á muller, marchou para Ordes e foi roubar nos cartos da recadación da contribución. Seica eran moitos cartos e tamén había un saquete con moedas de ouro.

Chegou de volta, fuxindo dos gardiáns, á Fraga da Lata. A muller estaba facendo nun queixo e díxolle con premura:

- *¡Veño perseguido dos soldados e do exército! ¿Que tes ai nesa cazola?*
- *Pois teño o queixo*- dixo ela.
- *¡Dáme a cazola!*
- *Ti estás mal ¿ouh?*
- *¡Dáma agora mesmo!*

Entonces ela tirou co queixo e deulla. El colleuna e baleirou nela o saquete do ouro marchando de contado para enterrar todo á beiriña dun regato e no medio duns abeneiros. Despois veu correndo para agacharse nunha canteira que había na finca que se chama O Quenllo.

Mentres estaba agachado pasaron os soldados que viñan na súa busca, preguntáronlle á muller e ela dixo que non sabía nada.

Anque pasaron cerca, non o viron porque estaba ben protexido na canteira e alá marcharon pola corredoira que ía para a aldea de Ousende. Pasara xa o ruído dos cabalos e dos soldados cando el levantou coa idea de regresar á casa, pero non se deu conta de que viñan outros na retagarda e, sen pensalo dúas veces, abatírono feríndoo de morte. Alí quedou tendido e sen que ninguén soubera onde escondera o saqueto das onzas de ouro.

Pasaron setenta ou oitenta anos e vivía naquel nesmo lugar unha familia moi humilde e que, despois do traballo, acostumaba a se ir aconsellar a unha cartuxeira. Aquela cartuxeira sempre lles dicía que cerca de onde eles vivían había un tesouro oculto.

Eles estaban intrigados pero non sabían nin por onde habían empezar a buscar. Anque a afirmación da cartuxeira era tallante, sen máis datos, non se podía dar co tesouro.

Nunha ocasión foron á feira e alí atoparon outra cartuxeira que efectivamente, afirmou canto a súa compañeira lles dixera. Esta contoulles que o tesouro se atopaba na beiriña dun río, nunha revolta no medio de dous abeneiros.

Viñeron para a casa e faltoulles tempo para colleren as ferramentas e empezaren a cavar. Non tardaron moito en encontralo, alí estaba a cazola do queixo cheíña de moedas de ouro.

Aquilo foi un acontecer moi bonito. Mercaron vacas e bestas, fixeron bos traxes, ... resultaba unha marabilla. Non esqueceron ós da súa antiga condición e prestaron tamén cartos ós que os necesitaban. O ouro dáballes para todo e aínda hoxe viven familiares deles que serán da quinta xeración desque sucederon os feitos narrados.

6.6. A cociña

O gando vacún fornece alimento e a cociña tradicional galega foi creando diferentes maneiras de prepara-la carne: asada, fritida, guisada ou cocida; e, dentro de cada tipo, hai variedades. O resultado son pratos tan diferentes coma o caldo, o churrasco, os bistés, a carne ó caldeiro, a carne asada, os callos ou a empanada.

Co leite a variedade tamén se multiplica e hoxe existen en Galicia diferentes marcas comerciais que ofrecen, como xa vimos en 6.5.9.2., catro variedades de queixo, con importantes subvariedades, requeixo e diferentes tipos de manteiga. A nata é un ingrediente imprescindible nun importante número de produtos de pastelería. Pero a repostería industrial utiliza tamén numerosas graxas saturadas procedentes doutras partes do animal.

O caldo, fozado, corneado i esgarabetado. (XTC4) [684]

[684] No texto: *i-esgarabetado*. O refrán é a síntese máxima da receita do noso prato máis representativo, o caldo galego: *fozado* indica que debe levar carne de porco; *corneado*, que tamén hai que botarlle carne de vaca; e *esgarabetado*, que non debe falta-la carne de galiña. Todos estes adxectivos reflicten as accións propias dos animais dos que procede a carne: o porco foza no chan, a vaca turra cos cornos e a galiña esgarabata na terra. Tamén lle acada ben esta triple composición ó cocido, a xulgar pola receita que dá a cociñeira que ganou o premio na XVII Feira do Cocido de Lalín: *O cocido debe levar do porco algo de todo, dende o rabo ... á cabeza... pasando polo ril, corazón, lingua, soá e costela e, por suposto, chourizos... Bótolle, tamén, xarrete e falda de tenreira, galiña con canta máis graxa mellor, garavanzos, fabas, grelos ou coles, patacas e unto* (MG-FC).

Mociño que estás a porta *dun corno que está a cocer*
agarda máis un pouquiño, *comerás un anaquiño.* [685]

6.6.1. Pratos de leite

No mundo tradicional galego estimábase como cousa gorentosa bebe-lo leite aínda morno ó dereito de saír do ubre da vaca.

> *[...] para merendar sopas de millo e leite quente, saído directamente do ubre, un leite que gorentaba. ¿Risco de contaxiarse de febre de Malta e de Tuberculose? ¡A sorte que tivemos foi que daquela non había endemia de Brucelose no gando!* [686].

A cociña galega utilizou dende antigo o leite ou os derivados que del se obteñen (nata, manteiga, queixo) como ingredientes de moi diferentes pratos, nomeadamente sobremesas pero tamén outros máis farturentos (patacas en queixo). Sería tarefa imposible –e allea ó contido deste libro- recolle-las receitas nas que interveñen estes produtos pero, a modo de exemplo, permitímonos citar só dúas:

O pan durmido [687]

> *A Pascua comezaba a noite do xoves, cando a madriña e a avoa viñan amasar onda nós, traían as tinas cheas de fariña triga, manteiga cocida de vaca, cartuchos de azucre, daqueles grosos de papel de estraza, e ducias de ovos da aldea que mercaban a señoras de fiúza. Conservo o arrecendo da esencia de anís e das reladuras de limón que mesturaban con presas de sal ou con outros ingredientes e o cheiro forte do fermento de panadeira, que desfacían axúntandose do chorriño de leite. Traballaban a masa con entusiamo, remexían até conseguir que se desapegase das mans. A masa quería traballo, había que bregala até quedar ben sobada. Cando remataban, facíanlle a cama, deixábana durmir até o día seguinte, atafegándoa cunhas mantas, para que así quedase ao abrigo, impedindo que o frío estragase traballo tan concienzudo. Á maña ben cediño iamos ao forno do Barrio do Cura (Vigo), onde había unha actividade desenfreada. Unha vez feitas as roscas, o Mestre Panadeiro deixaba que durmisen outra media hora, para logo, o que máis nos prestaba aos cativos, lucilas con ovo batido, azucre humedecido, froitas escarchadas e, nalgúns casos, mesmo con ovos. Só faltaba agardar a fornealas e ter a sorte de que medrasen, as máis altas e esponxosas eran as as máis valoradas por todos.*

O pote das papas [688]

> *Arredor da lareira dábanse as maiores bromas, conversas, contos e refráns nas longas noites da invernía, e se toda esta conrobra ía acompañada dalgunha lambetada pois era moito mellor, entre elas podemos nomear as papas, que se facían neste recipiente usado desde antigo polos nosos devanceiros, que non era outro que o pote, ola galega empregada en todo o territorio galego.*
>
> *O pote pendurábase da gramalleira, onde permanecía até facer ferver a auga, por iso se facía debaixo del un forte lume, deseguido botábaselle a fariña, preferentemente de millo, por ser a máis abundante, que se mesturaba con leite de vaca ou de cabuxa, remexíase coa man dereita cun pau alongado, chamado cazapelo, até acadar unha masa consistente, despois botábase sobre unha fonte de madeira e comíase cunha culler tamén do mesmo material. Ás papas podíaselles engadir mel, pois era unha maneira moi eficaz para combater a samaqueira e dores de gorxa.*

Antón Villar Ponte [689] escribía en 1921 en homenaxe ó verde da paisaxe galega, con estas palabras:

> *¡O noso verde, o verde enmeigadore da nosa paisaxe ... ! Para renderlle unha ofrenda sinxela e pura, para materializalo drento do noso corpo, para sentilo fervoar amorosiño nos roxos rubros do sangue, eu teño feito moitas veces unha poética consumación pagana: a de beber na branca chouza dos labregos unha cunca de*

[685] RC:104. No texto: *d-un*.
[686] Cañiza3:76. A *febre de Malta*, ou febre mediterránea, era a denominación con que Marston bautizou a brucelose en 1863. Vinte anos despois, o microbiólogo inglés David Bruce descubriu a bacteria responsable e deu nome á bacteria e á enfermidade humana.
[687] XLRG:157-158.
[688] XLRG:158.
[689] AVP2: 307.

branco leite escumadore e tenro cunha xerriña de louro mel docísimo. Porque no branco e sabroso leite poño a lembranza da vaquiña marela ou vermellaque vai piniocando cos seus beizos carnudos e húmedos pola verdecente sabana dos prados, as herbas zumosas fillas da chuvia miudiña, que ateigan de recendo enxebre o branco licor vital que deitan os grandes ubres moles ó seren muxidos, mentres nos seus redondos ollos negros, xa louvados por Virxilio no latín grorioso, como en lupas de miragre, a paisaxe se refrexa, tal que no acougo sereo de morto espelliño dun lago. Porque no docísimo mel... zugado polas facendosas e trafegadoras abellas no cáliz das frores e no tecido das herbas que cobren os nosos eidos, áchanse as raioliñas do sol da Terra que bican a paisaxe, feito sustancia esquisita... Eu, inda que non comín herba como Ganivet -inda que tencionei comela moitas veces- bebín co leite e o mel, en consumación pagana, en poética ofrenda, algo da paisaxe patria, na súa materialización máis poética. Nietzsche falara da ofrenda do mel. Eu fálovos da ofrenda do mel e leite. Enxerguede o símbolo. ¡Oh leda e incomparábel sinfonía dos verdes do noso chan...!

Con leite fanse tamén gorentosas sobremesas. Pódese ler en 16.1. a receita en verso das papas de arroz, arroz doce, arroz con zucre ou arroz con leite que Eladio Rodríguez titulou *Papas de arroz. larpeirada / larpadela.*

5857 **costrada** *s.f.* Postre típico do Nadal, elaborado a partir do leite costro. Taboada Chivite (XTC1: "La Navidad Gallega y su ritualidad", 117-144) fálanos dos pratos típicos da Noiteboa: *Los postres admiten mucha mayor variación. En Verín es típica la sopa de almendra, hecha de almendra molida que se hierve en leche aguada a la que se agregan trozos de pan frito en manteca de vaca. No tan corriente e* [sic] *la costrada* (XTC1:123). (LG, XTC1).

5858 **costros 3** *s.m.pl.* Alimento obtido callando o leite como para facer requeixón. (ERG).

5859 **feixó** *s.m.* Ver FREIXÓ /5864. (Drago., LG).

5860 **feixolo** *s.m.* Ver FREIXÓ /5864. (Vila).

5861 **fervedela** *s.f.* Acción de ferve-lo leite durante uns segundos. *Hai que lle dar unha fervedela ó leite pra que non se acede*. (Xun2).

5862 **formigo 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Filloa feita co costro das vacas paridas. Fanse fervendo o costro mesturado con mel. DMA pregúntase se se chamarán así "por atraírem as formigas" (DMA:219). (DMA:219, ERG, LG, Lim2, Lim3, LimiaB).

5863 **fornigo 3** *s.m.* Ver FORMIGO 3 /5862. (LG).

5864 **freixó** *s.m.* Filloa feita co costro da vaca, mesturado con fariña milla e posto a cocer sobre a pedra quente da lareira. (LG, Piquín).

5865 **freixolo** *s.m.* Ver FREIXÓ / 5864. (LG).

5866 **fretes 1** *s.m.pl.* Prato feito con manteiga cocida mesturada con fariña milla. Aníbal Otero defíneo como "comida que se hace con el poso de la harina de maíz para clarificar la manteca de vaca una vez cocida. *Frezas*, en Álvare. Se hacen de las borras de la manteca cocida a la que se le añade harina de trigo o pan migado y leche, cociendo todo en una olla [...] *As fretes*, en Fumiñá". (LG, Piquín).

5867 **fretes 2** *s.f.pl.* Ver FRETES 1 /5866. (Fumiñá).

5868 **frezas** *s.f.pl.* Ver FRETES 1 /5866. (Alva).

5869 **grouchós** *s.m.pl.* Comida que se fai ó ferve-lo costro. *Cando a vaca comenza a dar leite, aprovéitase pouco, xa que tén que mamal-o cucho; iste primeiro leite é o 'crosto', do que fan os 'grouchós' ó fervelo* (XLF:303). (Lobe2, XLF).

5869b **vincha 4** *s.f.* Lambuxada feita con arroz, leite, azucre, ovos, pan e manteiga, que se coce ó baño maría dentro dunha vincha de porco que se pica en varios sitios para que non rebente. Repártese en anacos coma un biscoito e é doce típico de Nadal. (CLam3).

5870 **caldo branco** *s.comp.m.* Ver CALDO DE LEITE /5871. (XRMF4).

5871 **caldo de leite** *s.comp.m.* Caldo galego propio de Castro Caldelas, no que entra o leite como ingrediente. *En Caldelas toman no almorzo caldo branco ou caldo de leite. Leva auga, unto, algo de carne ou touciño, e patacas; cando as patacas están cocidas e desfeitas, sácano do lume e engádenlle leite fresco*. (XRMF4:177).

5872 **caldo de leite con castañas** *s.comp.m.* Castañas cocidas en leite, prato tradicional en tempos. *Cando tiñamos catro ou cinco anos, chamaba por nós se estabamos diante da súa casa, pra ofrecernos caldo de leite con castañas que 'coroaba', que nos daba sen dúbida con satisfacción* (Cañiza3:20).

5873 **golpe de leite** *s.comp.m.* Trago de leite. (XLFG).

5874 **leite cegado con fariña** *s.comp.m.* Leite no que se bota pan para facer unhas sopas espesas. (ERG).

5875 **papas de leite** *s.comp.f.* Papas feitas con fariña milla cocida en leite. *¡Kirieleyson, kirieleyson/ as papas de leite/ qué ricas son!* (Tui3:670). (ERG, Tui3).

5875b **papas de leite callado** *s.comp.f.* Papas feitas con leite callado (CLam3).

5876 **feito** *adx.* [Leite] xa fervido e coa tona na superficie. Isto é o que supoñemos, xa que a nosa fonte non o define. *Cocer a torta de millo*

na lareira baixo do cacho ou testo de barro ou de ferro, coberto co braseado e lume, mentras non haxa pan centeo entre fornadas, e para comer con 'leite fresco', 'leite feito' ou 'leite mazado'. (Parade.:137).

5877 **fervida** *adx.* [Leite] fervido ó que se lle engade fariña cando vai ferver. Tómase de almorzo nalgunhas comarcas de Ourense. (ERG).

5878 **marondo 2** *adx.* [Leite] callado e sen mazar, que se bebe ou come mesturado con broa, patacas ou castañas. *E o leite que se xunta para que se coalle e para beber e tomar sen mazar, con broa, pan, patacas ou castañas cocidas, ben revolto cunha culler ou cun mazarelo ten o nome de 'leite marondo'. No vrau, o 'leite marondo' é moi refrescante*. (Parade.:148).

5879 **podre** *adx.* [Leite] mazado que se deixa con pan esmigado para comelo á noite ou á mañá. Non ten o sentido de apodrecido. (Parade.).

5880 **ameter 2** *v.* Prestar ben [o leite]. (Martín).

5881 **bufar 2** *v.* Ferver [o leite]. *Bufar* é, en parte, onomatopea de 'facer *fuu*' e, cando o leite ferve, como ten aire, ese aire sae ó exterior soprando e facendo ese son. (Ctel10).

5882 **botarlle sopas ó leite 1** *loc. v.* Botar pan na cunca do leite. (LT2).

Come leite e bebe viño e chegarás a velliño (ZM:65)
Come leite e bebe viño e chegarás a vello sendo un mociño. (XTC4)
Come leite e bebe viño e, de vello, serás mociño. (XMSH:184; ERG:comer; VIÑO:13; XLF2:28; ZM:65)
Con leite e viño o vello vólvese neniño. (XTC4)
Leite con viño fai ao vello meniño. (ZM:126)
Leite con viño fai do vello un mociño. (Carte)
Leite despois do viño, veneno fino. (SCD:52)
Leite e viño fan ó vello mociño, se non queda no camiño. (Curro)
Leite, mel e mosto tiran ao home pra mozo. (VLLM2) [690]
O leite co viño fai do vello meniño. (FBB:228; Grou)
O leite co viño fai do vello mociño. (VS)
O leite co viño fai do vello mociño, se non mata de camiño. (VS) [691]
O leite co viño fai ó vello mociño. (Trazo)
O leite co viño fan do vello mociño. (VS)
O leite co viño fan do vello un mociño. (XTC4)
O leite e o viño fan do vello mociño. (XMSH:184; VS; Cou3) [692]
O leite e o viño fan ó vello mociño. (ERG:leite/vello; VIÑO:16; JASA:338; JASA2:411; JASA3:225; XLFG; UCA2:51; VS) [693]
O leite e o viño fan ó vello mociño, se non o matan de camiño. (XMSH:97; Carb-L:221) [694]
O que de vello queira volverse mociño, que tome o leite despois do viño. (VS)
Sopas de leite e bon viño póñenme noviño. (VS)
Con leite e biscoito ben se desaúna pola mañán ás oito. (ERG:biscoito)
Dios dálle o pan a quen non ten dentes; e ó que os ten dálle leite (Curro) [695]
Díxolle o leite ó viño: "¡Ben chegado seas, amigo; mais poucas veces veñas por ese camiño!". (ERG:leite) [696]
Díxolle o leite ó viño: "Vén pra acó, meu amigo". Díxolle o viño ó leite: "Vén pra acá, meu parente". (VS)

690 Llópiz recólleo en Curtis.

691 VS: *si non-o mata*.

692 No texto: *i o viño* (Cou3); *i-o viño* (VS). Saco dá esta variante que nos parece un erro: *A leite y-o viño fan do neno* [sic] *mociño*. Fole contextualiza así o refrán: *O Larón, un labrego que faguía de enterrador, estaba abrindo unha cova cun picachón de longo mango. Cabo dil tiña un porrón cheo de viño. Cada pouquiño achegábase ó porrón e botaba un trago. Era un home moi forte de carrelo ancho e pouca perna. Aínda que non catara o leite, soía decir: 'O leite i o viño fan do vello mociño'* (Cou3:118)

693 No texto: *ao, mociño* (*meniño*) (UCA2); *i o viño* (ERG); *i o viño, o vello* (VIÑO); *y-o viño* (JASA); *y-o viño, o vello* (JASA2); *i o viño, o vello* (JASA3); *ao vello* (XLFG). Saco dá tres variantes: *i-o viño*, *y-o viño* e *e-o viño*, así como a oscilación *mociño/meniño*. Dá o seguinte equivalente: *La leche y el vino, hacen al viejo niño* (Sbarbi).

694 XMSH: *se nono*. Rodríguez Porto (*El Progreso*, 9.03.1991) explica así o refrán: *O que quere dicir que ás veces ó vello o leite e o viño élles forte e teñen que rebaixalo con auga.*

695 No texto: *dalle, dalles*.

696 Saco dá esta equivalencia castelá: *Dijo la leche al vino: 'Seais bien venido, amigo, pero no uséis mucho este camino, o no andéis mucho este camino'* (Correas).

Díxolle o leite ó viño: "Vente pra acá, bon amigo". (VS) [697]
Díxolle o leite ó viño: "¡Vente pra acó, meu amigo!". (UCA2:33; ERG:leite; Riba1:209; ANV1:108; ANV4:18; VIÑO:27; ZM:85) [698]
¡Veñas noramala!, díxolle o leite á iauga. (ERG:leite)
É moi grande o pote e pouca a manteiga pra que saian boas as papas. (VS) [699]
Encol do leite, o viño ausente. (VLLM:2,476) [700]
Tras do leite, nin auga nin viño nin vinagre. (VLLM:2,530) [701]
Tras do leite, nin ovos, nin viño nin aceite. (VLLM:2,476) [702]
Tras do leite, nin viño nin aceite. (VLLM:2,476)
Leite fresco, peido no cesto. (Carb-L:202; VS) [703]
O leite fresco está no cesto. (ANV1:82; ZM:168; VS) [704]
Na casa de Casiano comen pan e leite todo o ano. (RCI:155)
Non hai feitizo como pan trigo e o leite macizo. (MC:91)
Non hai feitizo como o pantrigo i o leite macizo. (UCA2:47; ERG:feitizo; ZM:154) [705]
Non hai pior vicio que o leite con tona e pantrigo. (ERG:vicio)
Non hai tal vicio coma o pantrigo e o leite macizo. (ERG:pantrigo) [706]
Non hai tal vicio como o pan de trigo e leite mocizo. (JASA:338; JASA2:389; VS) [707]
Non hai tal vizo como pan trigo e leite mocizo. (FBB:227) [708]
Nos meses que non teñan erre, nin peixe nin leite. (VLLM: 2,513) [709]
O aldeán galego, cunca de leite por cunca de aceite. (XMSH:118; ERG:aldeán; AGA:157) [710]
Cunca de aceite por cunca de leite. (Salc5) [711]
Cunca de leite por cunca de aceite. (AGA:76; JASA:311; Lourei2; XTC4; UCA2:30; ZM:69) [712]
Litro de leite por litro de aceite. (XTC4) [713]
O aldeán, por cunca de leite quere catro de aceite. (ERG:aldeán; AGA:158)
O aldeán galego por unha cunca de leite quer outra de aceite. (UCA2:49; EAG:21; AGA:157; JASA:319; JASA2:389; JASA3:225; ZM:162; VS) [714]
O galego por unha cunca de leite quer outra de aceite. (VS) [715]
Os da aldea, neto de leite por cuartillo de aceite. (VS) [716]
Por cunca de leite o aldeano quer cunca de aceite. (ERG:cunca)
Pucheiro de leite por pucheiro de aceite. (AGA:89)

---

[697] ms: *pr'acá*, ms e mc: *a leite*, ms3: *meu amigo, pr'acó, ms4: o leite, meu amigo*.
[698] No texto: *ao* (UCA2, VIÑO), *pra* (ERG), *ô viño, pr'acó* (Riba1), *ô viño, pr'acó* (ANV1), *ô viño, pr'a-co* (ANV4), *ao, amiguiño* (ZM).
[699] VS mc: *menteiga*, ms: *salian*.
[700] Llópiz di que cadra co francés *Vin sur lait, bien fait; lait sur vin, venin*. Recólleo das *Poesías* de Victoriano Taibo.
[701] Recólleo en S. Xusto de Sil, Valdeorras (OU).
[702] Llópiz realmente remata este refrán con *nin leite* que nos parece un simple despiste; xustifica o refrán en que disque provocan a alteración das secrecións gástricas ó se mesturaren no estómago.
[703] VS: *P... no cesto*.
[704] ZM: no orixinal entre admiracións.
[705] No texto: *coma* (ERG), *coma pantrigo e leite macizo* (ZM), *Non hay tal feitizo como o pan de trigo e leito* (sic) *macizo* (UCA2).
[706] ERG: *Non hai tal viño* (sic); chama a atención que entre os refráns paralelos o único que dá *viño* por *vicio* sexa este. Corrixímolo por consideralo unha errata de ERG.
[707] No texto: *No'hai tal vizo, como pan de trigo* (JASA), *com'o pan, leito* (sic) *mocizo* (JASA2), *com'o pan ...* (VS). Saco cita a equivalencia castelá de Correas: *No hay tal vicio como leche con nata y pan trigo*.
[708] Bouza Brey explica que *mocizo* es *voz no recogida en los vocabularios. Parece significar leche sin descremar*. Ver máis adiante os comentarios que fai Pensado sobre este refrán (*Vellos refráns galegos sobre o leite*).
[709] Porque, no verán, o leite e o peixe se estragan con facilidade. Antes, naturalmente, da popularización dos sistemas frigoríficos.
[710] ERG: *gallego*.
[711] Débense devolve-los favores que nos fan con xenerosidade.
[712] JASA: *d'aceite*, e engade: *Si te da el pobre es porque más tome*. Taboada Chivite explica así o refrán: *Din que o galego pretende así recibir máis do que dá.*
[713] *Tal fan as monxas*, segundo Taboada Chivite.
[714] UCA2, JASA, JASA2, JASA3, EAG, VS: *aldeano gallego*. EAG: *gallego, d'aceite*. JASA: *d'aceite*. AGA e ZM: *aldeán galego.*
[715] VS: *d'aceite*.
[716] VS: *d'aldea*.

Regalo de monxa, cunca de leite por cunca de aceite. (ERG:regalo; XSL:56; AGA:90; XTC4; JASA2:37; JASA3:230; VS) [717]

Un coartillo de leite por un de aceite. (XTC4) [718]

O leite co calor ten pouco valor. (VS) [719]

Ó leite con auga non hai quen lle valga. (VS)

O leite sin pan fasta a porta vai. (UCA2:51; JASA:338; JASA2:411; JASA3:225; ERG:leite; FBB:228; ZM:168) [720]

O que ten vacas, de leite se farta. (VLLM:1,149) [721]

O viño é o leite dos vellos. (ERG:viño; VIÑO:18; XAM2:28) [722]

Papas con leite de Xun [sic] *por riba, tírate, galán, de barriga arriba.* (VS) [723]

Papas de orxo con leite por riba, tírate galbán de pernas arriba. (Parade) [724]

¡Papas sin leite!... deixa que me deite. (ZM:193)

Papas sin leite á noite en aúnas, saben que rabean. (VS)

Por unha cunca de leite con castañas aguanto sogra, nora e cuñadas. (EGE:97)

Se non queres mercar aceite come unha taza de pan con leite. (RCI:174) [725]

¡Ai qué demo de vella cotrosa!
doume o leite nunha cunca lixosa,
i a culler estaba rillada,
e do leite non me deixou nada. [726]

As nenas de San Vicente
son pequenas e redondas
comen castañas con leite
tiran peidos como bombas. [727]

Chocolate con leite
café con ruda
'para darle a la gente'
que me marmura. [728]

Como sei que che gusta
o arroz con leite,
cando cases conmigo
heicho dar sempre. [729]

Como sei que che gusta
o arroz con leite,
como sei que che gusta
convidareite. [730]

Eu queríame casar,
miña nai, non hai aceite.
Casa, miña filla, casa;
tamén requisan o leite. [731]

Leite fresco con pan trigo
é almorzo das mulleres;
i o home que vén da roza
come as verzas si as tivere. [732]

---

[717] No texto: *d'aceite* (JASA2, VS). Tamén: *¿Regalo de monxa?... xa sabes: ferrado de trigo* (XMSM:46; ZM:217), ou *Regalo de monxa, costal de trigo* (SCD:79). A razón, segundo SCD, é que *Cuando una monja te hace un obsequio, es para obtener un interés superior.*

[718] Referido ó paisano que dá para que lle dean.

[719] VS: *A leite*. Dá tamén a variante *ten moi pouco valor*.

[720] No texto: *hasta, â porta* (UCA2), *hastra* (ERG), *hasta* (FBB). ZM escríbeo entre admiracións. Hernán Núñez entende por *porta* a derradeira tripa por onde saen as feces, o ano, e di que alude sen dúbida ás cualidades do leite como laxante ou a ser pouco nutritivo (JASA:338).

[721] Llópiz recólleo de A. Noriega.

[722] VIÑO dá esta var.: *O viño é o sangue dos vellos*. A Enciclopedia Espasa dá para *leche de los viejos* o significado de viño.

[723] Ignoramos qué son as *papas de Xun.* Matinamos en se será *papas de xuno*, tendo en conta que *xuno* está co valor de *xuño* no *Vocabulario del Bable de Occidente*, de M. Fernández y Fernández e B. Acevedo y Huelves (FA:242). Tería o sentido de que en xuño as vacas, que están comendo pastos verdes e abundantes, darían mellor e abundante leite e quen o toma iría mellor alimentado.

[724] Pallares López explica que as papas de orxo (de fariña de cebada peneirada) non gardan fartura e logo abagan, porque un traballador requer mellor almorzo. Lembremos que, aínda que o DRAG definía *abagar* como "Digerir; hacer bien y perfectamente la digestión", Aníbal Otero defíneo como "Decaer de un estado de hartura. Enflaquecer".

[725] Consello de réxime dietético.

[726] AGA:19. No texto non utiliza signos de exclamación.

[727] SCHU4/2/439d. Recollida en Córgomo, Vilamartín.

[728] SCHU6/2/2043.

[729] LimiaB:64. Recolle tamén unha jota aragonesa: *Como sé que te gusta/ l'arroz con leche/ por debajo de la puerta/ te echo un ladrillo.*

[730] Tea:48, Coto2:43, Corme1:478. No texto: *arrós*.

[731] Corme1:469.

[732] DBP:3831.

Leite fresco con pantrigo
é o almorzo das mulleres;
i ó home que vén de fóra:
"come as verzas, se as quixeres". [733]

Meu meniño non me durme,
que che vou quentar o leite,
e despois de que o tomes
xa podes adormecerte. [734]

Meu meniño non te durmas
que che vou quentar o leite
e despois, dende que o tomes,
xa podes adormecerte. [735]

Non como verzas con unto,
nin nabizas con aceite,
pra min non hai cousa boa,
tamén me fai mal o leite. [736]

Non quero verzas con unto
nin nabizas con aceite,
pra min non hai cousa boa,
ata me fai mal o leite. [737]

Non quero verzas con unto,
nin nabizas con aceite;
para min non hai cousa boa
tamén me fai mal o leite. [738]

O cura está malo, moi malito en cama,
chirimbín chirimbaina moi malito en cama.
Por la media noche chamou á criada,
chirimbín chirimbaina llamó á criada.
¿Qué quere mi amo que cedo me llama?
Faime o chocolate e traemo á cama.
Pero non hai leite nin tampouco aghua.
A las dos tres vueltas subió para cama.
A los cuatro meses ca barrigha inchada.
A los nove meses pariu a criada
e trougho un neno con capa i sotana
que para ser cura non lle falta nada. [739]

Para comer pan con leite
meu irmán non te convido
convidareite pa'l cielo
se lo tienes merecido ai la... [740]

Para pan de trigo, leite;
para pirixil, carneiro;
pra un condenado dun xastre,
a filla dun zapateiro. [741]

Pola mañá chocolate,
i a noite café con leite,
méxame o [h]ome na cama
non teño donde me deite. [742]

Santa María, casarme quería,
cunha velliña de Vilagarcía,
dáballe caldo e non o quería,
dáballe leite, que ben o lambía. [743]

Santa María,
morreu miña tía.
Dábanlle papas
e non as quería;
dábanlle leite
¡que ben o lambía! [744]

Tódalas neñas de Olivares
cuando van a cortexar
toman leche con boroña
i arrímanse xunto al llare. [745]

Traédelle cousas
de Oriente pra El
que eu lle levo axiña
boliños do pote
e leite con mel. [746]

---

[733] DBP:3491. No texto: *d'afora, com'as*.
[734] VLQ2:368. No texto: *vóu*.
[735] LimiaB:98.
[736] DBP:77.
[737] LimiaB:111. No texto: *berzas, hasta*.
[738] JPBIII:74.18. No texto: *berzas, h'hai*; os dous últimos versos escríbeos entre admiracións.
[739] SCHU4/2/14f. No texto: *faim'o*.
[740] SCHU6/2/2030.
[741] TCha:78.
[742] Zolle:226.
[743] Camb1:86.
[744] TCha:79. No texto: *nonas, qué*.
[745] SCHU4/2/416bis.
[746] Lama2:57. Fragmento dun cantar de reis.

Vímoslle pedir pra o Neno *pra os que cantamos os reises*
o leitiño pra unhas papas, *os chourizos e as patacas.* [747]

Vellos refráns galegos sobre o leite [748]

Invitado a colaborar no *Libro-homenaxe a FEIRACO* con ocasión de celebrarse o seu 25 aniversario e atendendo o desexo de que escreba algo relacionado co leite, veñen á miña lembranza os tres refráns máis antigos que coñezo sobre o leite.

Áchanse na famosa colección de *Refranes o Proverbios en Romance*, do profesor Hernán Núñez, publicados en Salamanca no ano 1555. Nela acóllense refráns de todas as linguas hispánicas, e soen ir acompañados da correspondente traducción ó castelán.

O primeiro deles di: " *Nom hay tal viço como pan trigo e leite mociço*. El gallego. No hay tal vicio como pan trigo y **leche no desnatada**".

Máis tarde, en 1627, outro profesor salmantino, o maestro Gonzalo Correas, ofrécenos no seu *Vocabulario de Refranes Proverbiales* unha versión xa castelanizada do refrán galego, acompañada da correspondente glosa: "*No hay tal vicio* ***como leche con nata*** *y pan trigo*. En Galicia, que hay poco trigo, es preciado, porque los más comen centeno".

Ambos refráns son moi valiosos porque compleméntanse. O primeiro acredita a existencia no século XVI da voz galega **mociço**, ofrecéndonos a máis antiga mención que coñezamos para nomear o leite *sen desnatar, enteiro ou gordo*, como din nosos veciños portugueses. O segundo ca sua versión "leche con nata" demostra, e por vía diferente, a veracidade do sentido máis antigo de **mociço** "leite sen desnatar".

A palabra *mociço* non era de uso xeral, posto que non foi recollida polos lexicólogos galegos no século XVIII (Fr. M. Sarmiento, Fr. J. Sobreira ou J. Cornide), nin polos primeiros do XIX (J.M. Pintos, o autor das *Voces de Agricultura*, etc.).

O primeiro que certifica o uso vivo da expresión **leite mocizo** é Saco y Arce comentando dito refrán: "*No hai tal vizo como pan de trigo e leite mocizo* (Núñez). **Leite mocizo** llaman aun hoy a la leche no desnatada". Advirte a continuación: "El Sr. Murguía (*Historia de Galicia*, Ilustración 1ª) trae **leite** (sic) **mocizo**, que ofrece un sentido del todo diferente. Cf. *Literatura Popular de Galicia* ed. J.L. Saco Cid, Diputación de Orense 1968, p. 338).

Refírese á edición que M. Murguía publicou no tomo I da súa *Historia de Galicia* (Ilustración 1ª) cunha lectura moi sospeitosa ou quizais unha errata: "No hay tal vicio como o pan de trigo e o leite moçizo" (Páx. 575).

Os gramáticos portugueses sempre souberon que **mociço** era unha variante vulgar de **maciço** e, aínda que tolerada, xa Madureyra Feyjó no século XVIII advertía: "**Mociço**, melhor **Maciço**, cousa solida" (cf. *Orthographia ou Arte de Escrever e Pronunciar com Acerto a Lingua Portuguesa*, Lisboa 1739, p. 396).

En galego perdeuse esa relación de parentesco de **mocizo** con *maciço* e a voz quedou aillada e sen arrimo Por iso foi buscalo na palabra fonéticamente máis parecida, e arrimouse, sen ter nada que ver con el, ó mozo, e o leite **mocizo** pasou a explicarse como "leche recién sacada del animal", perdéndose a idea básica da expresión: leite gordo, espeso, macizo.

Se o primeiro refrán indica que entre nós o tomar *pantrigo* con *leite mocizo* era un *luxo, case vicio* ó alcance de moi poucos , o segundo apuntala ó primeiro e recomenda non separar ambas especies, porque: "*O leite sen pan ata a porta vai*. El gallego. Entiende por la *puerta* la última tripa por donde sale la hez de lo comido. *O leyte* es la leche". Aínda que o *leite* fose *mocizo* non fartaba como con *pantrigo* e supoñíase que de contado se dixería e chegaba á *porta traseira*.

O *leite*, a diferenza do *pantrigo*, estaba ó alcance de moitos, e as rexións cerealíferas, como temos escrito en moitas ocasións, facían unha bulra do anceio de pan dos nosos antepasados.

[747] Carb-L:172. É un fragmento dunha panxoliña máis longa.
[748] JLPT6: 240-241.

O terceiro e último refrán sobre o leite, recollido por Hernán Núñez, é ben coñecido, pois aínda hoxe vive: "*O leite e o viño fan o vello meniño*. El gallego. La leche y el vino hacen al viejo niño", e con el findamos este escrito desexando que FEIRACO, aínda mozo de 25 anos, chegue a vello centenario, manténdose como ata agora de *leite mocizo*.

6.6.2. A carne como comida

Unha das funcións básicas do gando é a de fornecer alimento. Pero ¿era esta a función básica do gando vacún? ¿Considerábase a carne de vaca a de mellor calidade? ¿Era a máis consumida?

6.6.2.1. ¿É mellor a carne de carneiro ou é un froito prohibido a carne de tenreira?

A tradición oral fainos dubidar. O refraneiro parece indicar que se consideraba máis de festa a carne de carneiro cá de vaca. Ó refrán *As verzas en xaneiro saben a carneiro* (VS 2114) manifesta que o paradigma de carne apetitosa e de calidade é o carneiro. Outros refráns comparan con ese paradigma a solla, a pescada, a faneca, o budión, a raia [749] e algún outro peixe durante ese mes de xaneiro. Comentando aquel refrán, VS di que "Pondera la buena calidad de aquellas legumbres, comparándolas con lo que para nuestros campesinos constituye el mejor plato". Par2 recolleu *Vaca e carneiro, ola de cabaleiro* que cadra co castelán *Vaca y carnero, olla de caballero* do que Covarrubias deducira que a carne de carneiro era preferida sobre a de vaca. A cousa parece máis clara aínda no inicio do Quixote, onde Cervantes describe así a falta de recursos daquel cabaleiro andante: *Una olla de algo más vaca que carnero, salpicón las más noches, duelos y quebrantos los sábados, lentejas los viernes, algún palomino de añadidura los domingos, consumían las tres partes de su hacienda.* Tamén aí a carne de vaca parece menos apreciada. Outros refráns din que *De xaneiro a xaneiro come carneiro* (ERG), ou que *O que queira facer da vaca carneiro, bótea a cocer en auga fervendo* (ERG), ou que *Do mar, o mero; e da terra, o carneiro* (CGP:36) [750].

Pero témonos que preguntar se todos estes refráns galegos son importacións do refraneiro castelán, territorio lingüístico no que era máis abundante o gando ovino có bovino, ou se o maior aprecio da carne de carneiro era efectivamente vivo tamén en Galicia. E, se a resposta for positiva, ¿podería ter fondo económico esta preferencia? Dende logo, se as leis do mercado son baremos de calidade, os prezos das dúas carnes - vaca e carneiro – polo menos no século XVI indicaban maior aprecio da carne de carneiro [751].

A primeira razón que encontramos é que é menos ruinoso matar un carneiro do que matar unha vaca e para a humilde economía galega matar unha vaca era un gasto moi grande. Non podemos esquecer que a civilización existe porque, domesticados algúns animais, os bovinos dedicáronse fundamentalmente a soste-la agricultura. Esa debeu de se-la función histórica da vaca: fornecer forza, esterco, leite e calor na casa. Comer carneiros era menos antieconómico porque matar un carneiro non tira forza de tiro da agricultura tradicional (cousa que si pode dar un becerro que se deixa vivir capado). O carneiro mesmo chega a ser un problema polo seu carácter indómito; mentres que as pacíficas ovellas cómpre deixalas vivir para a produción de la.

Sospeitamos que a comparanza dese refrán establécese entre carne de carneiro de poucos meses, polo tanto tenra, fronte á carne de vaca que se podía matar, a vaca vella: esa que, como di o refrán *sempre a cocer e sempre crúa*. Porque, a razón de fondo é que o consumo de carne de vaca na Galicia tradicional era un luxo, e o consumo de carne de tenreira era un luxo tan grande que a maior parte da xente non se podía permitir. Lémbrese que en Ourense en 1889 *O catecismo d'o labrego* dicía

[749] Que as festas dalgún destes peixes se faga no verán (a festa da solla en Catoira, en xullo) pode ter que ver con que nesa época haxa máis abundancia pero non indica que sexa cando está máis en comida.

[750] Para este último refrán, a mesma fonte dános estes paralelos: *Dos peixes, o mero; e das carnes, o carneiro* (CGP:36); *Do mar, o mero; e da terra, o botelo* (CGP:36). Pero outros colectores daban como carne de preferencia a do becerro: *Do mar, o mero; e da terra, o becerro* (ERG:mero; ZM:85; UCA2:33/34; LLB:4).

[751] Na documentación do Concello de Santiago referida a 21.11.1550 estipúlase que a libra de vaca e de castrón se venda a seis maravedís e que a libra de carne de carneiro se venda a oito (PPC:90). Ante a falta de comerciantes interesados no negocio da cortadoría, fanse diferentes ofertas públicas estimulando a aparición de cortadores e o 30.03.1551 estipúlase a libra de vaca a 13 blancas e a libra de carneiro a 16 blancas (PPC:90). En 1579 os prezos estipulados son estes: libra de vaca e castrón a nove maravedís e a de carneiro a trece; e a libra de manteiga de vaca a corenta, tanto coma un carro de leña ben cargado (PPC:93). Comparativamente nas mesmas ordenanzas a libra de peixe fresco (pescada, congro, rodaballo, barbo, dourada, sanmartño ou linguados) taxábase en dez maravedís (PPC:94).

-¿Qué é a carne? – Unha cousa que din que se come, e que sabe ben, e que mantén moito, da que temos ouvido falar a miúdo, pro que non nos pasa polas gorxas inda que nos pase polas mentes (FMP:57).

En 1900 escribíase isto referido á provincia de Lugo:

Es de advertir que á pesar de la abundancia de ganado vacuno es tan poca la cantidad de su carne que se utiliza en la alimentación de los habitantes de nuestra provincia, que bajo este concepto puede asegurarse que es de las que menos consumen, contando aún las ciudades que hacen un consumo de carne de ternero en bastante proporción. Esto quizá sea debido tanto á la falta de costumbre de usar estos alimentos, como á la falta de recursos. Así es que como no sea una vaca vieja, y eso en muy pequeña proporción, y algún novillo de los más ruines que se destina al consumo de este país, lo demás todo se vende, por tener que atender á otras necesidades. Aun cuando no revelan el verdadero número, diremos que esta provincia [Lugo] aparece en 1865 con 148.953 cabezas de ganado vacuno, cuya cifra aumentó muchísimo (ACoF: 52).

Duns meses antes (19.10.1899) é a carta que un emigrante morañés en Buenos Aires (Manuel Naveiro) remite ó seu pai e na que, despois de anunciarlle que lle manda *setenta y cinco pesetas,* ironiza con certa crueldade sobre o feito de que o seu pai matase unha becerra para o casamento dunha neta:

Mi muy querido padre: Sin ninguna de Ud. a que referirme, le remito un jiro por setenta y cinco pesetas. [...] Aquí llegó estos días la hija de Manuel Novo y me dijo que nada traía porque todo lo habían comido Uds. cuando se casó mi sobrina Manuela y que hubo que matar ternera á mas de los dulces; así que no le habrán faltado a Usted convidados; esto me consuela por el buen momento que habrá pasado Usted, talvez más feliz que cuando Usted se casó, porque de seguro el suyo no fue tan rumboso (Grixó2).

E aínda entre 1925 e 1935 escribía Ramón Fernández-Oxea, referíndose a Santa Marta de Moreiras que un dos mandamentos do pobre é o seguinte:

O terceiro, non comer vaca nin carneiro (Morei:392).

A carta morañesa é ben expresiva do carácter *rumboso*, extraordinario e sorprendente de matar unha becerra para consumo propio no cambio do século XIX ó XX, mesmo tratándose dunha festa familiar extraordinaria. Éo, polo menos, para Moraña; e probablemente represente tamén o que era común ás zonas de Galicia con máis emigrantes. O caso antitético de matar non unha senón varias vacas (*as chapreiras* en Viñas na Coruña) ou mesmo sete (en Tebra, Tomiño, que veremos en 6.6.5.2), constitúe unha excepción tan rechamante, que ou se explican por seren comarcas de economía comparativamente moi superior (cousa inverosímil) ou por seren ritos ancestrais nos que toda autoflaxelación económica é posible e mesmo xustificada polos que a practican. E, por certo, Franco Grande, o estudoso da festa de Tebra, coida que a festa das sete vacas é precisamente a pervivencia dun rito relixioso xermánico (Tebra2:25-34) e de feito escribiu en 1972 palabras inequívocas:

Calquera que conoza, ainda de lonxe, a realidade rural da nosa terra, sabe que comer carne de vaca foi un luxo que moi poucos atinguían e do que moi poucos participan aínda hoxe [1972] nos días da civilización de consumo. Si é certo que a carne de porco é alimento básico na maoría dos casos, non o foi, nin siquera o é hoxe, a carne de vaca. E case seguro que cando nin en Tomiño había carniceiros, a única carne de vaca que se comía en Tebra era a das reses da festa de Santa María. Pra algunha xente, aínda hoxe é ésa a realidade (Tebra2:32).

Iso si, no cambio de milenio, o consumo de carne de vacún en Galicia é importante e, dende logo, moi superior ó consumo de carne de ovino, como veremos. Nesta importante mudanza influíu a mecanización do campo e a elevación do nivel de vida dos últimos cincuenta anos.

Dous mil anos atras, no mundo castrexo, o consumo de carne de ovicápridos e de bovino parece que estaba equilibrado, como diremos en 9.1. (JRCor: 80-81).

6.6.2.2. Produción e consumo de carne en Galicia

Se as razas bovinas galegas non compiten en volume de produción leiteira con outras foráneas, tradicionalmente vense aceptando que, en cambio, son moi competitivas en produción de carne, porque a calidade reforza a súa rendibilidade. Neste libro xa demos exemplos da valoración da carne galega nos mercados nacionais e internacionais dende hai séculos. Para unha perspectiva máis matizada das posibilidades da gandería galega en produción de carne véxase JZS.

Vexamos, primeiramente, a produción dos últimos anos.

Produción de carne en Galicia, por especies (toneladas)										
	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2006
Aves	116.521	112.976	112.429	122.574	132.248	145.586	152.476	157.676	161.705	165.675
Porcino	80.674	82.951	89.825	99.869	94.388	101.096	105.258	109.015	103.367	99.240
Bovino	76.308	81.222	83.689	84.024	88.462	79.060	90.581	97.488	94.037	94.934
Coellos	4.536	4.085	4.753	5.447	5.376	5.265	5.800	5.909	6.400	7.334
Ovino	419	447	632	569	601	640	549	736	624	
Cabrún	260	286	194	207	196	139	151	99	117	
Equino	126	130	127	184	174	243	167	83	150	
TOTAL	278.844	282.097	291.649	312.874	321.445	332.029	354.982	371.006	366.401	

▸ Fontes: *Anuario de Estatística Agraria 2004*. 4. Subsector gandeiro, 138, Consellería do Medio Rural. 2004.
IGE. *Galicia en cifras. Anuario 2007*; p. 115.

Produción de carne de vacún en toneladas									
	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004
A Coruña	27.783	28.552	29.947	30.263	28.457	29.627	31.328	33.768	35.938
Lugo	13.746	16.509	17.311	20.606	16.609	14.699	14.162	16.988	18.146
Ourense	18.743	20.083	18.811	17.366	17.954	18.734	20.646	20.788	18.726
Pontevedra	16.036	16.078	17.620	15.789	25.442	15.999	24.445	25.944	21.227
GALICIA	76.308	81.222	83.689	84.024	88.462	79.060	90.581	97.488	94.037

▸ Fonte: *Anuario de Estatística Agraria 2004*. 4. Subsector gandeiro, 137, Consellería do Medio Rural. 2004.

Vexamos agora uns datos básicos do consumo ofrecido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación. O reparto por especies era o seguinte:

	2006		2007		2008	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Polo	12,87	11,30	12,78	10,75	13,01	10,41
Porco	11,58	18,42	11,36	14,76	11,57	16,0
Vacún	7,17	12,54	7,25	10,95	7,18	11,72
Ovino e caprino	2,70	2,24	2,68	2,51	2,36	2,06
Total de carne consumida per cápita	50,54	57,39	50,46	51,97	50,58	52,56

▸ Fonte: http://www.mapa.es/es/alimentacion/pags/consumo/BD/consulta.asp [16.11.2009]

No cadro anterior cómpre reparar en que os 50,58 kg por habitante de 2008 (50,54 kg en 2006; 52,0 kg en 2005) repártense entre 38,68 kg de carne fresca, 11,35 kg de carne transformada e 0,86 de carne conxelada.

No seguinte mapa referido a 2006 reflíctese o consumo de carne nas distintas Comunidades Autónomas de España, sobre un consumo medio nacional de 50,58 kg por habitante. Téñase en conta o seguinte: que as cifras refiren a carne de tódalas especies; e que o ámbito estudado é o consumo nos fogares, que polo tanto exclúe restaurantes e institucións (colexios, hospitais, cuarteis etc.); de incluír este sector, a cifra ascendería a 65,27 kg por habitante e ano. En comparación, o consumo de carne nos países do noso entorno está nunha media de 80 kg.

Mentres a produción de carne en Galicia vai basicamente en aumento, o consumo medio de carne parece que vén descendendo nos últimos anos, sendo máis acusado en Galicia ese descenso ca no resto de España. Case doce quilos de carne de vacún come de media un galego durante o ano. A carne de vacún en Galicia ocupa o segundo lugar, trala do porco, pero ó revés do conxunto de España vai por diante da de polo. O consumo de carne de ovino e caprino é residual. Estamos, polo tanto, lonxe do que suxiren os refráns que veremos en 6.6.2.4.

No ano 2001 e pola aparición da enfermidade das vacas tolas en decembro do 2000, produciuse un descenso moi forte (-18%) do consumo de carne de vacún en relación ó ano anterior pero no 2002 xa se recuperou o nivel tradicional.

Tamén é importante lembrar que en Galicia o tipo de carne de vacún que se come é lixeiramente diferente do conxunto de España: nós preferímo-la carne de tenreira nunha porcentaxe superior nun 18% ó conxunto de España, tal e como dixemos en 6.3.1.1. Mentres que, en 2007, o consumo de carne de tenreira representaba en España o 76,96% da carne de vacún, en Galicia era o 94,25%.



Consumo de carne en España en 2006.
Fonte: *La alimentación en España 2006*. Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación. 14 de marzo de 2007. [http://www.mapa.es/alimentacion/pags/consumo/2006/panel-06.pdf (21/06/2007)].

6.6.2.3. Denominación *Ternera Gallega*



Ternera Gallega.

A partir de 1989 [752] recoñécese para a carne de *Ternera Gallega* a denominación de *Producto Galego de Calidade*, co obxectivo de recuperar e potencia-la produción cárnica de vacún en Galicia con, digamos, denominación de orixe, obxectivo que máis tarde se traduciría no acertado lema publicitario *a carne con carné*.

[752] Orde pola que se recoñece a denominacion Producto Galego de Calidade Ternera Gallega, para a carne de vacún producida en Galicia e noméase un órgano rector provisional (DOG 175, de 12 de setembro de 1989).

En 1991 naceu a *Denominación Específica Carne de Rubia Gallega* pero ámbalas denominacións de calidade remataron fusionándose en 1994 [753] baixo a marca *Denominación Específica Ternera Gallega*, recoñecida a partir de 1996 [754] pola Unión Europea baixo a figura de *Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega* [755].

No resto de España e no que se refire a carnes frescas, dispoñen de denominación de orixe como *Indicación Xeográfica Protexida* outras nove produción características: *Carne de Ávila, Carne de Cantabria, carne de la Sierra de Guadarrama, Carne de Morucha de Salamanca, Carne de vacuno del País Vasco (Euskal Okela), Ternera Asturiana, Ternera de Extremadura, Ternera de los Pirineos Catalanes* e *Ternera de Navarra*.

A Indicación Xeográfica Protexida *Ternera Gallega* ampara os becerros nacidos, criados e sacrificados en todo o territorio da comunidade autónoma galega, e procedentes de animais de razas autóctonas (rubia galega e morenas do Noroeste) e os seus cruces, ademais dos cruces en primeira xeración de machos destas razas con femias frisoas ou pardo-alpinas [756]. O peso medio das canais oscila entre 210 e 220 kg, con pequenas oscilacións duns anos a outros.

Baixo a denominación de orixe *Ternera Gallega* e tendo en conta a idade e tipo de alimentación ó que foron sometidos os animais antes da matanza, distínguense tres tipos: *terneira, anello* e *cebón*.

- *Terneira* (mellor, *Tenreira*): animal sacrificado a unha idade máxima de 10 meses, ben que non se destetara ata a mata, ben que se destetara despois dunha lactancia mínima de dous meses e se alimentara posteriormente con produtos naturais. Nestas animais, a carne terá unha cor rosa clara, graxa de cor branca nacarada, homoxeneamente distribuída, músculo de grao fino, consistencia firme e lixeiramente húmida.
- *Anello*: animal sacrificado a idades comprendidas entre os 10 e os 18 meses. A carne terá unha cor entre rosa e vermella clara, graxa de cor branca nacarada e febra de consistencia firme e lixeiramente húmida.
- *Cebón*: animal macho sacrificado a idades comprendidas entre os 18 e os 36 meses. A carne presentará unha cor vermella clara, graxa de cor cremosa, músculo de consistencia firme, infiltrado de graxa pero sen acúmulos excesivos.

En calquera caso, a alimentación que reciban estes animais despois do destete debe segui-las normas tradicionais de aproveitamento de pastos (só se pode utilizar herba -fresca ou seca-) suplementada con produtos naturais (forraxes verdes ou secas, millo, patacas, nabos, castañas etc.) e alimentos concentrados autorizados. Na categoría *Ternera Gallega Suprema* só se inclúen os becerros criados polas súas nais, é dicir, alimentados con leite materno (suplementado cos produtos naturais anteriormente citados) e procedentes de explotacións tradicionais. Toda a carne comercializada baixo a denominación de orixe *Ternera Gallega* deberá estar sempre identificada co logotipo correspondente e o certificado de orixe de cada animal [757].

A carne amparada baixo a denominación *Ternera Gallega* representa o 51% do total da carne comercializada en España procedente de tódalas IXP existentes neste sector [758]. En 2008 o número de establecementos minoristas que vendían esta carne era de 1.045 (503 en Galicia, 530 no resto de España e 12 noutros países), cun marcado predominio dos supermercados (71,1%).

---

[753] DOG de 18 de xaneiro de 1994 e BOE 99, de 26 de abril de 1995.

[754] Regulamento 2400/1996, de 17 de decembro (DOCE 327, de 18.12.1996).

[755] A Unión Europea recoñece soamente tres sistemas de certificación de calidade nos produtos alimenticios: a *Denominación de Orixe Protexida* (que ampara a produtos obtidos, transformados e elaborados nunha zona xeográfica determinada), a *Indicación Xeográfica Protexida* (para produtos que manteñen algún vínculo xeográfico durante a etapa de produción, transformación ou elaboración) e a *Especialidade Tradicional Garantizada* (que ampara a determinados produtos que destacan pola súa composición particular e por seguir un método de elaboración tradicional). En calquera caso, cómpre ter presente que ningún destes sistemas de certificación de calidade implican unha maior calidade hixiénico-sanitaria, senón que o único que garanten –produtor e Consello Regulador- son cualidades sensoriais (sabor, textura, olor) e a orixe xeográfica do produto.
Ademais da carne e dos produtos lácteos, canto ó que interesa para os fins deste libro, as *Denominacións de orixe* amparan moitos outros produtos alimenticios. O lector pode atopar comprida información de tódolos produtos protexidos na Unión Europea e das súas características en *http://europa.eu.int/comm/agriculture/foodqual/quali1_es.htm*. Delimitando a información a España, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (*http://www.mapya.es/es/alimentacion/pags/Denominacion/resultado1.asp*) proporciona tódolos datos das carnes e queixos, xunto a outros alimentos, amparados con algún tipo de denominación de orixe.

[756] No *Informe de actividades 2008*, a empresa certificadora concretaba a distribución por razas nun 69,8% procedente de cruces e un 30,2% procedente de exemplares rubios.

[757] O consumidor pode distingui-las dúas calidades pola cor das etiquetas que identifican cada peza: as de *Ternera Gallega* son amarelas mentres que as de *Ternera Gallega Suprema* son de cor rosa.

[758] http://xunta.es/conselle/ag/orixe/ternera.htm [3.02.2007]. Cómpre engadir que, segundo datos de *Ternera Gallega*, a carne comercializada baixo esta denominación xerou en 2008 un volume de negocio de 85,3 millóns de euros e un valor engadido para o sector cárnico galego de 20 millóns.

	1990	1992	1994	1996	1998	2000	2002	2005	2006	2007	2008
Becerros identificados	7.500	32.123	36.009	63.935	64.076	84.075	91.618	106.626	106.638	110.968	109.178
Toneladas de carne certificada	188	3.116	3.811	7.291	8.857	11.152	10.979	15.163	15.225	16.206	16.913
Valor da carne certificada (millóns de €)	0,8	12,9	17,2	31,8	39,7	49,6	52,4	71,1	76,8	82,9	85,3
Canais certificadas					42.845	50.924	53.434	70.750	71.855	74.945	78.203
Peso medio canal								214	212	216	216
Produtores inscritos					9.300	10.834	6.593	6.571	6.612	6.364	6.725
Industrias cárnicas inscritas								70	71	71	72

▸ Fonte: *Ternera Gallega* (http://www.terneragallega.com/estadisticas/resumen_anual_gal.pdf) [15.06.2009].

A creación desta Denominación de Orixe foi unha das máis felices iniciativas dos últimos vinte anos. Porque Ternera Gallega facilítalle ós consumidores de toda España o coñecemento e acceso a un produto galego de calidade. Pero a súa intervención non se limita a distribuir, publicitar e avala-la calidade dese produto. Detrás hai un intenso e intelixente traballo cos produtores e as industrias cárnicas intermedias. Cos produtores, difundindo o coñecemento e estimulando as boas prácticas sanitarias, incrementando o número de animais que se certifican, axudando a que as explotacións sexan máis rendibles, incrementando a produción pero tamén regulándoa de xeito que non se orixinen excedentes na primavera nin desabastecementos no verán. Coas industrias e a distribución, implantando unha estrita disciplina que permita ofrecerlle ó consumidor un produto avalado pola máxima credibilidade.

Ternera Gallega foi, nun momento decisivo, un factor de vertebración dos gandeiros galegos orientados á produción de carne. Foi unha ferramenta que lles deu unha proxección nos mercados exteriores que merecían pero non tiñan, permitiu que os gandeiros galegos desenvolvesen a capacidade de abasteceren unha demanda crecente, a de se adiantaren ós problemas, a de superaren as crises e, nalgún caso, a de saíren delas fortalecidos [759]. Ternera Gallega foi un dos poucos elementos que axudaron a realiza-lo heroico tránsito da gandería tradicional á gandería moderna.

Maximino Viaño, presidente fundador de Ternera Gallega afirmaba recentemente que

> *Ternera Gallega non nace como algo que puidésemos chamar unha operación comercial de certa audacia, senón como un proxecto común baseado na carne de vacún tradicional como produto diferencial galego fronte a outras carnes do mercado (http://www.terneragallega.com/noticias.html?n=10 [16/11/2009]).*

Permítasenos en coherencia con estas palabras, deixar constancia de que para non poucos gandeiros segue pendente unha cuestión simbólica que segue suscitando algún disenso social: a designación da nosa mellor carne de vacún cunha denominación oficial en castelán (*Ternera gallega*) e non en galego (*Tenreira galega*) que, na variante *Terneira galega* usou a propia denominación na súa publicidade en 1996 [760].



TERNEIRA GALEGA,
a carne con carné

▮ Publicidade en galego de *Ternera Gallega* (1996).

[759] Moi probablemente, a rápida recuperación do consumo de carne de vacún trala crise das vacas tolas puido estar construída, sequera en parte, sobre a confianza que os consumidores depositaron na garantía ofrecida pola Denominación.

[760] No anuncio dunha promoción que incluía un sorteo ante un notario de Santiago o día 6.05.1996.

É sabido que este feito deriva de que se aproveitou a denominación informal con que a carne galega xa circulaba no mercado de Madrid pero tamén se sabe que é consecuencia do inferior nivel de prestixio xurídico, social e comercial que tiña a lingua galega na época en que se estableceu esta IXP. O carácter minoritario das suxestións [761] e críticas daquel momento levou a que non fosen atendidas; en calquera caso, hoxe quizais toda a sociedade galega vería mellor, se se lle explica axeitadamente, que a carne galega circule cunha denominación que manteña a lingua na que esa carne foi criada [762]. Non é que a denominación en castelán non informe da orixe galega da carne: a cuestión é que a denominación en galego resaltaría máis visiblemente esa orixe diferenciada de que fala o fundador; parecería máis *de Galicia,* do mesmo xeito que o champán parece máis champán se a etiqueta está en francés e o viño de Jerez e o flamenco parecen máis auténticos se se promocionan con fonética andaluza: a lingua reforza a denominación de orixe. Na altura do 2009 podemos afirmar –cousa que non se sabía hai vinte anos – que o galego doutras denominacións como *Ribeiro, Rías Baixas* ou *Mel de Galicia,* lonxe de ser unha pexa no comercio nacional e internacional, constitúe precisamente un elemento que reforza a identidade do produto, a súa localización, a súa orixinalidade: e todos sabemos que no mercado ser diferente é un asunto vital.

Os nosos *berberechos, nécoras, zamburiñas, santiaguiños* e *vieiras* non só circulan no mercado exterior co seu nome galego senón que mesmo acabaron ocupando praza no *Diccionario de la Lengua Española* e borrando do uso as auténticas denominacións castelás: é natural, porque cos produtos case sempre viaxan os seus nomes.

Tampouco se debe esquecer que no réxime político anterior, en importantes feiras realizadas en Madrid a mediados do século pasado, a delegación galega utilizou o refrán *En carne tenreira, Galicia a primeira* e converteuno en fórmula publicitaria.

A lingua galega está hoxe máis asentada na vida pública. Todo parece pedir que este asunto se revise como e onde proceda.

6.6.2.4. A carne no prato: léxico, fraseoloxía e tradición oral

O boi morto vaca é. Este refrán ten unha especial significación en Galicia. Dado que a vaca, ademais de dar carne coma o boi, pode dar leite e traer unha cría, en Galicia é tradicional reserva-las femias para leite e cría e sacrificar, en cambio, os machos; de xeito que a carne de tenreira que maioritariamente comemos é de becerro. Antes da mecanización do campo, cando a tracción era animal, si que había carne de boi nos mercados galegos. Sendo a carne de vaca a preferida en Galicia, o refrán *O boi morto vaca é* indica que para un profano é case imposible distinguila; pasa por carne de vaca.

Pola contra, fóra de Galicia, en diferentes lugares é moi aprezada a carne de boi e diferentes preparacións levan un nome que especifica que é de boi: *chuletón de buey, rabo de toro, langue de boeuf*, *côte de bœuf* etc. Pero neses lugares tamén é posible que haxa confusión, porque a vaca vella acaba tendo unha carne que imita en certos aspectos a de boi. Na prensa (VG2:14.08.2009) Josefina Castro protestaba porque certos restaurantes ofrecían *chuletones de buey a 28-34 € /kg* cando ela sabía que no mercado estaban a un prezo superior e dicía que, despois de preguntar no restaurante se era realmente boi ou vaca vella, confesáronlle que era vaca vella [763]. Hai, en cambio, restauradores de sona que reivindican que os restaurantes identifiquen nas súas cartas se o animal que están ofrecendo é vaca ou boi (FMor). E algúns restauradores foráneos, que coidan isto moito, veñen mercar especificamente bois galegos (VG2:5.09.2008).

Aínda que a lexislación, de momento, non obriga estritamente a que o restaurador especifique se a carne que ofrece é de boi ou de vaca, na cortadoría, en cambio, preceptúa que na etiqueta da carne esa circunstancia estea claramente manifesta.

Vexamos agora os nomes populares dalgúns pratos elaborados con carne.

5883 **achego** *s.m.* Carne ou touciño dentro do cocido galego. *Agora vouvos reparti-lo achego pra todos, que vos chega a pouco, mais comei pan e caldo, que tamén engordan* (Cañiza3:275). (Cañiza3).

5884 **caldo 1** *s.m.* Prato típico a base de carne de porco, chourizo e unto, carne de vaca, fabas, verdura e patacas. (Común).

5885 **caldo corneado** *s.comp.m.* Caldo que se fai con carne de becerra. “En fiestas, el caldo alcanza su mejor composición: *fozado* (con carne de cerdo), *corneado* (con carne de

[761] Entre outras XFR3b.

[762] O lema empregado na publicidade (*a carne con carné*) lévanos á mesma conclusión.

ternera), *i-esgarabeteado*, según la paremia" (XTC2:91). Taboada Chivite non o explica, pero engadamos que *esgarabateado* significa que leva tamén carne de galiña. (GAL, Ver1, XTC2).

5886 **caldo de vitela** *s.comp.m.* Caldo de verdura que non leva máis carne que vitela. (ERG).

5887 **carne arreglada** *s.comp.f.* Carne estofada ou guisada. (Ctel13).

A carne, carne cría. (UCA2:41; ZM:16; XTC4)
A carne pon carne e o viño pon sangue. (ERG:carne; ZM:16; VIÑO:23) [764]
A carne pon carne, o pan pon panza e o viño guía a danza. (ERG:carne; VIÑO:23) [765]
A carne vaise á carne. (ERG:carne)
Crían bo sangue o pan, o viño i a carne. (ERG:críar)
A carne, carne cría; e a sardiña, auga fría. (CGP:29)
A carne, carne cría; e o peixe, auga fría. (CGP:29)
A carne, carne cría, e o pescado, auga fría. (Carte.) [766]
A carne, carne cría; e o pescado é auga fría. (Morei:369)
A carne, carne cría; e os peixes, auga fría. (ERG:carne) [767]
A carne cría carne, e o peixe auga fría. (ZM:16; CGP:29)
A carne pide carne; e o peixe, aceite e vinagre. (ERG:carne; CGP:29) [768]
A sardiña, auga fría, e a carne, carne cría. (CGP:29)
A carne de óso, dente de lobo. (ERG:carne) [769]
A carne de vaca, ben cocida e mal asada. (ERG:carne)
A vaca, ben cocida e mal asada. (ERG:vaca)
A carto está a vaca, o que non a ten non a papa. (Carb-L:194) [770]
A carto vai a libra de vaca, o que non o ten, non a cata. (ERG:carto) [771]
A carto vai a libra de vaca, o que non o ten, non a papa. (JASA:330; JASA2:341; JASA3:215; UCA2:22; ZM:16) [772]
A carto vai a libra de vaca, o que non o ten, non pode mercala. (VLLM:1,127) [773]
A carto vai a libra de vaca, quen a ten, non a paga. (UCA2:22; VLLM:1,127)
A carto vai a vaca i o que non o ten non a papa. (XTC4; ANV1:90) [774]
A carto vai a vaca, mais sin cartos non hai vaca. (VLLM:1,127) [775]
A carto vai a vaca, pero se non hai carto, non hai vaca. (ERG:vaca) [776]
A coarterón vai a terneira i o que non teña pasa sin ela. (XTC4) [777]
A cuarto vale a vaca e o que non o ten non a papa. (XTC4) [778]
A ochavo vai a vaca, e o que non o ten non o papa. (Vald3)
Vai a carto a vaca, pero o que non ten un carto non a cata. (ERG:vaca) [779]

---

[763] *Chuletón: cuando el buey es vaca* (VG2:15.08.2009).

[764] No texto: *pòn, i* (ERG); *pón* (ZM); *i o viño* (VIÑO).

[765] No texto: *pòn* (ERG); *pon a panza, i o viño* (VIÑO).

[766] A fonte explica que: *A carne alimenta, o peixe non*.

[767] A E. Espasa (s.v. *carne*) comenta: *Da á entender que la carne es un alimento más substancioso que el pescado*. Existe tamén o seguinte paralelo *Máis vale auga de carne que carne de auga* (CGP:30).

[768] No texto: *i o peixe* (ERG).

[769] ERG: *òso*.

[770] *Carto*: antiga moeda de cobre que valía catro maravedís. Este refrán e os catro seguintes din que se non hai *o carto* para merca-la carne, non se pode comer carne. Aínda así ERG e Carb-L din *non a ten* (aparentemente referido *á carne*, que nos parece menos lóxico, porque daquela non se entendería a que vén mentar neste refrán *o carto*).

[771] ERG: *nona tèn, nona cata*.

[772] No texto: *nono, nona* (ZM); *non-o, non-a* (JASA); *non ó ten* (sic) (UCA2). Saco y Arce pon unha correspondencia castelá: *A blanca vale la vaca; daca la blanca* (*Blanca* é unha moeda antiga que tivo diferentes valores segundo o momento). Coñecemos tamén o refrán en portugués: *A carto vai a libra da vaca, o que nom o tem non-no papa* (DMA:262).

[773] Llópiz recólleo de M. Martínez (Coruña 1870).

[774] XTC4: *y-o, no-no ten, no-na papa*. ANV: *y-o que no ten no na papa*.

[775] Llópiz: *ai*.

[776] ERG: *se mon*, errata evidente.

[777] XTC4: *i-o*.

[778] No texto: *o que nono ten nona papa*.

[779] ERG: *tèn*, *nona*.

A catarro forte, talladas e viño. (ERG:catarro) [780]
A pouca carne, moitas verzas. (ERG:carne) [781]
Aceite, carne, pantrigo e sal, mercadoría real. (ERG:aceite; XTC4; XAM2:13; XMSH:100) [782]
¡Ánimo tripas, que está un corno a cocer! (XLF2:19) [783]
Ás veces a carne está no prato por falta de gato. (ERG:gato; AGA:43)
Non está a carne no garabato por falta de gato. (ERG:carne) [784]
Bendita sexa a tallada que trae outra remangada (MVN2:69; ZM:44) */ arremangada* (UCA2:26) [785]
¡Benia a tallada que trae outra engarrada! (ERG:tallada) [786]
Boa é a vaca onde o porco mete a pata. (Vigo1; Sob3) [787]
Boi morto, carne de vaca é. (VLLM:1,157) [788]
Boi morto por vaca pasa e se vende. (VLLM:1,157) [789]
Boi morto, vaca é. (JASA:309; MVN2:70; XLF2:23; ZM:47; VLLM:1,134; XTC4; MC:88; PdM:7; VS) [790]
Boi morto, vaca é. Carne de cocho touciño é. (ZM:47)
Boi morto, vaca é. Carne de porco touciño é. (UCA2:26; VS) [791]
O boi morto vaca é. (ERG:boi) [792]
Cada día ola e tallada cansa. (ERG:ola; AGA:55)
Cando o crego canta ¡aleluia! xa se come a carne crúa. (ZM:54; UCA:38.14) [793]
Cando o crego canta ¡aleluia! xa se pode comer carne crúa. (ERG:aleluia; UCA2:30) [794]
Carne ben asada ten ás veces mala cara. (ERG:carne) [795]
Carne de hoxe, pan de onte, viño de antano. (ERG:carne; VIÑO:25)
Carne de hoxe, pan de onte, viño de cando cadre. (ERG:carne; VIÑO:25)
Pan de hoxe, carne de onte e viño de antano, manteñen o home sano. (ERG:antano; Camb1:37; XTC4; XMSH:175; ZM:192) [796]
Pan de onte, carne de hoxe e viño de antano, manteñen o home sano. (ERG:pan; VG:22.8.87; XMSH:63; VIÑO:29) [797]
Pan de onte, carne de hoxe e viño de antano, salú pra todo o ano. (ERG:pan)
Troita, de hoxe; pan, de onte; carne, de antronte. (ERG:troita; CGP:48) [798]
Carne de perna quita as engurras. (ERG:perna)

---

[780] Lémbrese que, por unha banda, *O mellor manciñeiro é o carniceiro*, e, por outra, *Ó catarro, dálle co xarro*.

[781] ERG: *berzas*.

[782] No texto: *mercadería* (XAM2 e XMSH).

[783] No 16.07.2007 os gandeiros que forman a sociedade Os Parentes (de Trasar de Carballo, Carballedo, Lugo) poñían na súa páxina web (http://www.empresas.mundo-r.com/op/novidades.htm) este comentario: *E aí vai outra frase que ten que ver coa vaca: ánimo tripas, que está un corno a cocer. Supoñemos que o de darlles ánimos ten que ver co "ruído" que fan cando hai fame, para tranquilizalas podemos anunciarlles o do corno. O corno a cocer sábese cando se pon pero nunca está cocido... así que a cousa non pinta ben...*

[784] A E. Espasa comenta así o equivalente castelán: *Se dice generalmente de las mujeres que dejan de casarse, no por falta de quien las quiera, sino por algún otro motivo.*

[785] No texto: *sea* (MVN2); *trai* (ZM).

[786] ERG: *Benia á*.

[787] É dicir, no cocido.

[788] Llópiz recólleo de Carré Aldao. No capítulo 14. *Humor* veremos máis variantes, como *A falta de carne, bos son polos e touciño* (ERG:carne); *A falta de vaca, bos son os polos con touciño* (XAB1:34); *A falta de vaca, bos son polos con touciño* (ERG:vaca; Camb1:47; Castre.)

[789] Llópiz recólleo de Matesanz.

[790] No texto: *vaca è* (PdM). Llópiz, que o recolle de E. Carré, explica que o refrán delata que, en matando o boi ou o touro, a carne véndese coma se fose de vaca. Sabemos que tamén se usa co senso de minusvalora-lo inimigo despois de que está morto, porque a quen eventualmente se lle ten medo é ó boi, non á vaca. JASA dá outra explicación: *Se dice cuando una disputa versa sólo sobre nombres*. Saco engade as seguintes equivalencias: P.: *Boi morto,vaca é* (Chaves); E.: *Buey muerto, vaca es* (Sbarbi).

[791] Saco explica que *Se confunde con ella en la expendeduría y así logra mayor estimación*, e engade a seguinte equivalencia: *Buey me mata y vaca me alaba* (Sbarbi) A esteoutro refrán que Correas púxolle no séc. XVII) este comentario: "Para pesar en la carnicería".

[792] Pasa tamén con outros animais: *Pita morta, galo é* (XTC4).

[793] No texto: *Aleluya, a carne crua* (UCA).

[794] No texto: *a aleluya, a carne crua* (UCA).

[795] ERG: *tèn*.

[796] No texto: *ó home* (Camb1), *d'antaño, ó home* (XTC4), *ó home* (XMSH), *ao home* (*ZM*).

[797] ERG, VG, XMSH, VIÑO: *ó home*.

[798] O peixe é mellor canto máis fresco, o pan é mellor dun día para outro (o pan de antes, claro), e a carne mellora unha vez pasado un tempo de maduración.

Carne de vaca vella, cría boa cachaceira. (VLLM:1,138) [799]
Carne de vella vaca, bon cachazo saca. (VLLM:1,138) [800]
Carne mal asada tamén engorda. (ERG:carne)
Carne que leva o gato non volve máis ó prato. (ERG:carne; AGA:67)
Carne sin óso non é pra probes. (ERG:carne; XMSH:135) [801]
Carne vella fai bo caldo. (ERG:carne) [802]
Chuvia no xaneiro, carne no caldeiro. (XLF2:28)
Come o lobo de toda a carne, menos da súa, que a lambe. (ERG:carne)
Toda a carne come o lobo, menos a súa, que a lambe. (ERG:lobo; JASA:328; XLF2:66; Mel2:463; MVN2:101) [803]
Toda carne come o lobo, agás a súa que a delambe. (ANV1:77) [804]
Toda carne come o lobo menos a súa, que lambe. (XTC4) [805]
Comíchesme a carne, róeme os ósos. (EGE:114; XTC4) [806]
O que come a carne, que roia os ósos. (ERG:carne)
O que o comeu, que lle roia os ósos. (LT2:50) [807]
Quen comeu a carne, que roa o óso. (MVN2:101) [808]
De besugo e bonito, pouquiño; de vaca e vitela, todo o que se queira. (CGP:34) [809]
De xaneiro a xaneiro, carneiro; e vaca o demais tempo. (VLLM:1,140) [810]
Deixa a carne un mes, que ela te deixará a ti tres. (ERG:carne) [811]
Do mar, o mero; e da terra, o becerro. (ERG:mero; ZM:85; UCA2:33/34; CGP:36; LLB:4) [812]
É tan bobiña que troca a vaca pola sardiña. (SOBREI) [813]
En Carballiño, carne, pan e viño. (ZM:256)
No Carballiño, boa carne, bo pan e bo viño. (ERG:Carballiño)
Pra carne, pan e viño, O Carballiño. (ERG:Carballiño; XLF2:60; ZM:195; VIÑO:58) [814]
Pra rosquillas, Ribadavia; pra vitela, O Carballiño. (XTC4)
En sardiñas e tenreiras, as galegas as primeiras. (VLLM:1,141) [815]
Gando branco, millor é velo no prato. (ERG:gando) [816]
Haxa carne pra comer, que fame non ha de faltar. (ERG:comer)
Inda non me deron a carne e xa me piden os ósos. (ERG:carne) [817]
Máis ben me sabe a miña cebola cá carne da túa ola. (ERG:saber) [818]

---

[799] Llópiz recólleo de E. Fuciños, en Antas (Lugo).

[800] Llópiz recólleo de Martín Calado *(Fungueirazos*).

[801] No texto: *òso* (ERG); *oso* (XMSH). A E. Espasa (s.v. *carne*) comenta *Denota que los ricos y poderosos siempre son preferidos*. E engade que *carne sin hueso* vén ser *conveniencia o empleo de mucha utilidad o de poco o ningún trabajo*.

[802] A E. Espasa comenta o equivalente castelán que indica que *no debe despreciarse á los ancianos, pues, como más experimentados, son susperiores a los jóvenes*.

[803] No texto: *Toda carne, sua* (ERG, JASA, Mel2); *cóme, meno-l-a sua, que lambe* (MVN).

[804] ANV1: *sua*.

[805] XTC4: *sua*. Recólleo do *Diccionario* de Valladares.

[806] XTC4: *osos*.

[807] O que gozou de algo nas maduras, que o sufra tamén nas duras.

[808] MVN2: *Quén, coméu, oso*.

[809] Variante: *canto se queira*.

[810] Llópiz: *demás*; explica que alude á superioridade da carne do carneiro sobre a da vaca, aínda que sexa de raza. Recólleo de Javier F. Losada, prof. vet.

[811] A E. Espasa comenta que aconsella continencia nos placeres sensuais e ensina que teñen máis forza os malos hábitos que os impulsos da natureza.

[812] CGP dá como variante *carneiro* no canto de *becerro*. Pero, como para gustos fixéronse as cores, non sempre se dá esta preferencia da carne de becerro: *Dos peixes, o mero; e das carnes, o carneiro* (CGP:36); *Do mar, o mero; e da terra, o botelo* (CGP:36).

[813] No texto: *He tan, baca*.

[814] No texto: *o Carballiño* (sic) (XLF2 e VIÑO); *Pra carne, pan e viño, Carballiño* (ZM).

[815] Llópiz recólleo de Trapero Pardo en Madrid (1ª Feria del Campo) e cita vars. *En carne tenreira, Galicia a primeira* e *En carne de terneira Galicia é o celeiro d'Hespaña inteira* pero esta última, pola falta de complementarios e de ritmo, máis que refrán popular parece reclamo publicitario ocasional dunha feira gandeira celebrada en Madrid nos anos cincuenta sen o indispensable uso popular.

[816] Véxase na epígrafe 6.1. *O matadoiro*, nota ó refrán *Gando branco nin no pasto nin no banco*.

[817] ERG: *òsos*.

[818] ERG: *que a*, *tua*.

Máis val auga de carne que carne de auga. (ERG:auga; CGP:30) [819]
Máis val dous bocados de vaca que cento de patacas. (UCA2:44; ZM:132; VS) [820]
Máis valen dous bocados de vaca que sete de pataca. (ERG:bocado/vaca)
Val máis bocado de vaca que catro de pataca. (ERG:vaca; Camb1:47; Castre.; VG140588) [821]
Na casa do home honrado, carne gorda e pan delgado. (Carb-L:222)
Na semana da Ascensión, tres días carne e tres días non. (UCA:35.8; UCA2:46; ZM:144; MVN2:94; ERG:ascensión/semana; XTC4; PdM:14) [822]
Non hai carne sen óso. (MVN2:94; AdC:31; ZM:154; ERG:carne; XTC4) [823]
Non hai mellor ciruxán que a boa carne, o bo trago/viño e o bo pan. (Camb1:89) [824]
Non hai millor ciruxán que o bo pan, a boa carne e o bo trago. (ERG:ciruxano; VIÑO:28; XMSH:63) [825]
Non hai tal vicio como a carne i o pantrigo. (ERG:vicio)
Ó probe farto de carne non hai quen o ature. (ERG:probe)
O probe que con carne se entupe non hai quen o ature. (ERG:probe)
O probe que pide pan, come carne, se lla dan. (ERG:pedir; XMSH:136)
O que chega tarde, nin oe misa nin come carne. (ANV1:89; Mel2:463; XTC4) [826]
O que chega tarde, non escuta misa nin come carne. (Gud5:112)
O que se ergue tarde nin oi misa nin come carne. (ERG:misa)
O que se ergue tarde nin vai á misa nin come carne. (JASA:322) [827]
Quen chega tarde nin oe misa nin come carne. (ERG:tarde; Camb1:104; XAM2:17; Riba1:210) [828]
O que queira facer da vaca carneiro, bótea a cocer en auga fervendo. (ERG:carneiro)
Quen queira facer da vaca carneiro, que a poña a cocer en auga fervendo. (ERG:vaca)
Quen queira facer da vaca galiña, bótea a cocer en auga fría. (ERG:vaca)
Ó que ten pan, carne e viño, Dios lle dea herba no liño. (Carb-L:196; Carb-L2) [829]
¡Ollo ó lume, que asan carne! (ERG:ollo)
Pan, que sobre; carne que abonde; viño, que non falte; e alegría que abaste. (ERG:pan; XLF2:57; VIÑO:30; ZM:192) [830]
Pan, viño e carne quitan a fame. (ERG:pan; VIÑO:30; MC:94; ZM:193) [831]
Por beber medio netiño e comer media tallada, nunca se perdeu nada. (ERG:beber; VIÑO:19) [832]
Pra carne dura, fame vella e dente duro. (ZM:195)
Quen atope tallada de carne, que coma e que cale. (ERG:tallada)
Vaca e carneiro, comida de cabaleiro. (ERG:vaca)
Vaca e carneiro, ola de cabaleiro. (Par2) [833]
Valen máis coiros en marzo ca carne en maio. (Antas4) [834]
Voda de probes, pouca carne e moitas voces. (ERG:boda) [835]

---

[819] CGP: *vale*. Supoñemos que aquí, *auga de carne* equivale a un caldo, e *carne de auga* a peixe.

[820] No texto: *mais* (UCA2); *valen, pataca* (VS). Saco engade a seguinte equivalencia portuguesa: *Mais valem dois bocados de vaca que sete de batatas* (Chaves).

[821] Camb1: *mais*.

[822] No texto: *seman, d'Ascensión* (UCA); *seman* (UCA2); *N'a semana, d'a Ascensión, dias* (MVN2); ZM: *tres días de carne e tres días de non* (ZM); *d'Ascensión* (PdM). A festa da Ascensión é variable pero adoita caer a primeiros de xuño ou últimos de maio.

[823] No texto: *N'hai, sin, oso* (MVN2); *N-hai carne, hoso* (AdC); *¡Non hai carne sin oso!* (ZM); *òso* (ERG); *sin oso* (XTC4). Álvarez Blázquez (*O libro da caza*) recolleu esta cantiga: *Non hai soberbia que non caia,/ nin pega sin mancha negra,/ nin carne sin haber óso,/ nin macho sin haber femia* (XAB2:48).

[824] Camb1: *bó*.

[825] No texto: *ciruxano, i o bo* (VIÑO); *ciruxano*, *có* (XMSH); *i o bo* (ERG).

[826] No texto: *non oye* (ANV1); *nin oie* (Mel2 e XTC4).

[827] No texto: *s'ergue, vai â* (JASA).

[828] No texto: *oie* (Camb1 e XAM2).

[829] No texto: *Ao, tén* (Carb-L2).

[830] No texto: *i alegría* (XLF).

[831] No texto: *quitan fame* (MC).

[832] No texto: *perdéu* (VIÑO).

[833] Este refrán é contemporáneo de ditos galegos tales como *Parece que estás mantido a ostras* ou *Ese seica non come máis que centolas* para indicar que é un esfameado, que está moi fraco. Hoxe *de cabaleiros* é en cambio comer marisco. Véxase o comentario a este refrán na introdución da epígrafe 6.6.2.1.

[834] Refírese a que o mes de maio é moi rico e hai máis que comer nese mes.

[835] ERG: *Boda*.

Ver tamén *As bodas da pulga e o piollo* na epígrafe 6.2.1. *O cortador*.

A carne carne cría
e o pan cría panza,
o viño cría sangue
e o demais todo é chanza. [836]

A muller de Xan Guindán
non hai muller como ela:
os ósos dállos ó home
i a carne cómea ela. [837]

Ai, martes de Entroido,
ai, larafuzán,
comiches a carne,
deixaches o pan. [838]

-Ai, miña nai, que caldo me ten
-Ai, miña filla, sábeche ben:
verciñas, poucas; fabiñas, catro;
carniña, tanta coma a lengoa dun
gato. [839]

Arrieiro do Paraño
que vas no Paraño arriba,
mozas as de Vilapouca
téndelle a carne cocida. [840]

Arrieiros de Ribadavia
van polo Paraño arriba;
mociñas de Vilapouca,
téndelle a carne cocida. [841]

As mulleres son tan meigas
que dende que están casadas
danlle ao home o caldo todo
i elas comen as talladas. [842]

... Así fan todos os homes
cuando andan parrafeando
todos parecen santiños
logo despois son deablos.
Eso farano algús
porque hai mulleres tan malas
ó home danlle o caldiño
i elas comen as talladas. [843]

Baila, quiridiña, baila,
cun amor que xa foi meu;
agora róelle os ósos,
que a carne cominlla eu. [844]

Cadeliño, cadeliño,
hoxe fasme moitas festas,
teño tallada na man
e seica queres comela. [845]

Carreteiros de Cerdedo
van polo Paraño arriba;
meniñas de Vilapouca
téndelle a carne cocida. [846]

Casarei contigo vello,
pero ha de ser con trato:
eu hei de comer a carne
ti has de lamber o plato. [847]

Corta feira de ceniza,
non se pode comer carne;
tu te diviertes conmigo
pasas o tempo de balde. [848]

Dalmira vai pra Baíñas
cun ghalo e tres ghaliñas
para venderlle ás oveiras
que ihoubera en Baíñas
foron a fase-la cuenta
Liseu acabou primeiro

---

[836] Carb-L:100. No texto: *demáis*.
[837] DBP:3835. No texto: *com'ela, osos*.
[838] Lama2:69.
[839] LimiaB:33, XAM:43. No texto: *berciñas, de un gato* (LimiaB).
[840] Lama2:159. Refírese ó alto do Paraño (no Irixo) e Vilapouca (en Ventoxo, Forcarei), dous lugares a escasos 7 km na estrada de Pontevedra a Ourense.
[841] XLF3:55. Localízao en Ribadavia.
[842] LimiaB:49. No texto: *dánlle*.
[843] SCHU5/2/77. Fragmento dun parrafeo. No texto: *porqu'hai, o home danll'o*.
[844] DBP:1484. No texto: *róell'os, osos, qu'a*. Máis coñecida es estoutra cantiga que vén dici-lo mesmo: *Os amores que tú tes/ son os que xa eu deixéi:/ andas apañando os vagos/ da viña que eu vendiméi* (LimiaB:124).
[845] VLQ2:347.
[846] Coto2:41.
[847] Coto2:42.
[848] Lama2:118.

foi encargha-lo xantare
á casa do Zoboleiro
comeron platos de carne
beberon litros de viño
pra te-la barrigha quente
para andaren o camiño ... [849]

De aquí nós
e de alá vós;
a carne para nós
e os ósos para vós. [850]

Dende que lle comen a carne
dánlle os ósos a chupar
despois queren que o probe
rompa a alma a traballar. [851]

Es día de fiesta de la Pinfanía
que se manifiesta Cristo neste día
vuestro rey de coro que es lo que
explicamos
vengan ioro y plata que lo reparamos
si no hay dinero venga una olla
de vaca y carnero una buena polla
vengan tres manzanas buenas y ben
grandes
dulces avellanas en casa de flaires
vino moscatele biscoito rosquillas
o dulces pasteles iorrosas natillas
deia o aghinaldo se o quere dare
que bastantes porcos ten para matare
deia o aghinaldo anque seia pouco
touciño e medio e ia mitá doutro
... [852]

Heicho de dar, queridiño,
heicho de dar a moer:
dareiche a punta dun corno,
si me podo defender. [853]

Miña comadre é unha ladra,
non vin muller coma ela;
os ósos dállos ó home
a polpa cómea éla. [854]

Miña comadre Manoela,
non hai muller como ela:
os ósos dállos ó home
e a carne cómea ela. [855]

Miña comadre Pelania,
¡non hai muller como ela!,
dálle os ósos ao seu home,
a carne cómea ela. [856]

Miña comadre Pelonia,
non hai muller coma ela:
as verzas dállas ó home
i a carne cómea ela. [857]

Miña comadre Pelonia,
non hai muller coma ela,
os ósos dállos ó home,
e a carne cómea ela. [858]

Miña comadre Polonia
non hai muller coma ela,
o caldo, bótallo ó home
i a carne, cómea ela. [859]

Miña comadre Polonia
non hai muller como ela,
os ósos dállos ao home
e a carne a come ela. [860]

Miña cuñada, a Paloma,
non hai muller como ela,
que a carne dáballa ós homes
i os ósos cómeos ela. [861]

---

[849] SCHU4/2/86. No texto: *par'andaren*.

[850] RCI:193.

[851] VG:20.04.1991; no texto: *danlle, despóis*. Esta cuarteta forma parte dunha serie de *Cantares de cego* dedicados a diferentes profesións e situacións sociais e recollidas por Álvarez Blázquez. Esta, concretamente, refírese ós *señores*.

[852] SCHU2/2/106a. No texto: *tén*.

[853] DBP:1073. No texto: *dareich'a*.

[854] MRV:97. No texto: *dallos*.

[855] XSL:38: *dallos, i a carne, éla*. XMSH:149: *osos*. XMSM:53: *osos, dallos, ao*. ZM:137: *dallos ao home, i a carne*. Tódolas fontes recóllena como refrán.

[856] LimiaB:249; Xaquín Lorenzo localízaa en Muros. No texto: *dalle, osos*. Esta idea de que o movemento se demostra andando queda máis explícita nesa cantiga: *O amar i o querer ben/ váiche no botar do caldo,/ que para ti vas ó fondo/ e pra min andas nadando* (LimiaB:114).

[857] TCha:366. No texto: *berzas*.

[858] JASA:112 (cant. 700), JASA2:373, VLQ2:218, VD:301, DBP:2253. No texto: *osos dall'os ó* (JASA); *como ela, dallos, ô home, y-a* (JASA2); *o home, y-a carne* (VLQ2); *com'a ela, dállos ó home, i-â carne, comea* (VD). Saco y Arce engade na nota: *También en Alongos*. JASA2 recóllea dentro dunha recopilación de *Refrás gallegos*.

[859] VLQ2:218. No texto: *o home, y-a*.

[860] UCA2:45, como refrán. No texto: *hay, osos, dallos*.

[861] Morei:414.

Miña nai pariume ó lume
por baixo dunha tixela
e veu o gato e levoume
pensando que era vitela. [862]

Miña soghra zameleira
non hai muller coma iela
os ghuesos dállos ó home
i a carne comeia ela.
Ai lala... [863]

*No *viernes hai unha duda*
que non se pode comer carne;
fala con quen queiras
que a min nada me importa. [864]

Non hai soberbia que non caia,
nin pega sin mancha negra,
nin carne sin haber óso,
nin macho sin haber femia. [865]

O entroido é moi lambón,
moi amigo das talladas,
come todo en catro días
*e *ayuna sete semanas.* [866]

O que na porta da igresia
poida dar un bico á novia,
ninguén lle quita o direito
de pór a carne da voda.
Quen poña a carne da voda
dirá se a novia é doncella.
Non poñas carne da voda
porque terás perda dela. [867]

*O *viernes é un día*
non se pode comer carne,
mozo que fale comigo
pasa o tempo en balde. [868]

*O *viernes é unha falta*
que non se come a carne;
estou falando contigo
pasando o tempo de balde. [869]

Os meniños de Moraña
van polo Paraño arriba
meniñas de Vilapouca
téndelle a carne cocida. [870]

Os señores desta casa
están todos na cociña;
hoxe, que é día de Reises,
hannos dar unha carniña. [871]

**Viernes é un día*
que non se pode comer carne;
galán que fala comigo
pasa o tempo en balde. [872]

Cóceme como a vaca
e branquearei como a prata. [873]

Férveme como a vaca
e branquearei como a prata. [874]

Os mandamentos do probe [875]**:**

O primeiro, andar por el suelo.
O segundo, andar polo mundo.
O terceiro, ***non comer vaca*** *nin carneiro.*
O cuarto, nunca andar farto.
O quinto, nunca andar limpo.
O que istes mandamentos sepa gardar non lle han faltar pulgas nin piollos a fartar/pra matar.

---

[862] LimiaB:100, VLQ2:371. No texto: *de unha* (LimiaB); *paréu o lume* (sic)*, de unha, levóume* (VLQ2).
[863] SCHU6/2/1441.
[864] Gud8:70. Forma parte dunha serie de sete cuartetas baixo o título de *Parrafeio da somana*.
[865] XAB2:48.
[866] Lama2:72.
[867] DBP:230. No texto: *s'a novia*.
[868] VLQ2:218.
[869] MRV:107. Forma parte dunha serie que recolle os sete días da semana.
[870] SCHU1/2/351. No texto: *Parañ'arriba, téndell'a*.
[871] LimiaB:126. No texto: *de esta*.
[872] Gud8:68. Como no caso de *No viernes hai unha duda...* tamén forma parte dun *Parrafeio da somana*.
[873] Di o liño. VS: *blanquearei, com'a plata.* VS4 dáo como refrán en Sober: *Se queres qu'a camisa che *blanquee com'a *plata, déixaa cocer com'a vaca.*
[874] PM:460. A solución é a *bogada*, auga fervendo con cinsa, que se bota á roupa para branqueala, ou tamén a mesma roupa así branqueada.
[875] Morei: 392. No texto: *El primero..., El segundo..., O carto...*

Véxase na epígrafe 9.2.1. *Eloxio da propiedade* as dúas versións dun conto no que un paisano enfermo lle ofrece dúas xatiñas ó medico, se curar, e, en curando, di que se tal dixo é porque deliraba.

O convidado á voda [876]

Vendeu [877] un home unha becerra pra unha festa dun casamento. Un veciño, cando lla viu [878] levar, díxolle:

- ¡Ai, hom! ¡Quen [879] *che me dera axudala comer, co gordiña que está!*

- Pois o día da festa preséntase na mesa un invitado máis.

Chegou o día, e sentouse á mesa, e, como había tanta xente, pasou desapercibido, mais, cando acabaron de comer, preguntaban unhos aos outros quen era aquil home, hastra que por fin, preguntoulle o dono da casa:

- ¿Quen é vostede?

- Pois eu son parente do que vendeu a becerra.

6.6.3. As vísceras

5888 **callos 2** *s.m.pl.* Prato feito a base dos estómagos da vaca, engadíndolle as mans, morro, chourizos e garabanzos. *Pois case todos, además do seu recarto de carne (ben enteiro ou ben a partir con outros), acostuman levar tamén un anaco de fígado, boches ou bandullo pra os callos, etc.* (Tebra2:23). (Común).

5889 **dobrada 2** *s.f.* Guiso que se fai co intestino groso do gando, víscera á que tamén lle chaman *dobrada*. Eladio Rodríguez define *dobrada* como "tripa gruesa de vaca o de buey de que se hacen callos". Cabe supoñer que esta *dobrada* que recolle Luís Giadás co significado de guiso sexa una denominación local dos callos. Engadamos nós que os callos non se fan da *tripa gruesa*, nome popular do intestino groso, senón da panza ou ventre. (LG).

5890 **miolada 2** *s.f.* Cazolada ou rixada de miolos. (ERG).

5891 **carne dos callos** *s.comp.f.* Carne do ventre da res. (Frei.).

Pelegrina [880]

-Achegádevos, que á carón deste lume garimoso, heivos de ir [881] contando cousas certas doutros tempos, pra que vos lembredes das [882] inxusticias qu'enriba dos nosos pais e nosos abós cairon.

---

[876] FINGOI: 178. No texto: *boda*.

[877] No texto: *Vendéu*. Tamén normativizamos no resto do relato *Chegóu, sentóuse, pasóu, preguntóulle, vendéu.*

[878] No texto: *víu*.

[879] No texto: *Quén*. Tamén normativizamos no resto do relato.

[880] LCA5: Nunha sección titulada *Hai moitos anos. Feitos Hestóricos* publícase este conto, firmado por Augusto Barreiro, que ten tódalas trazas de ser antigo, primeiro porque é un exemplo de cómo na mentalidade popular galega certas palabras teñen o poder de realizarse (as pragas cúmprense) e a que lle bota Pelegrina ó dono das terras ten un efecto case fulminante; antigo tamén porque, case no remate asegura que vén no tomo XX da *España Sagrada* do P. Flórez. Non demos atopado nin a cita de Flórez, nin sequera o medio no que se publicou este conto que, con outros, tiña escolmados nunha carpeta Leandro Carré Alvarellos. Pola tipografía pode ser que saíse n'*A Nosa Terra*. Posteriormente demos coa fonte. Trátase da *Crónica de Santa María de Iria* escrita por Rui Vasques en 1647: *Et morto Gondesyndo, obispo, foy cõsegrado Eremegildo, o sexto obispo de Santiago, que foy hõme lubrico et mundanal. Huũ seu moordomo, a que diziã Nonia, tomou hũa vaca a hũa vella viuba que tijna oyto fillos que mantina cõ o leyte daquella vaca. Et a vella cõ lagrimas lançouse aaos péés do bispo, et el nõ ouvo della mjsericordia. Et cõ o primeyro bocado que el comeu da baca, rrebentou porlo medio et morreu maa morte supitanja. Et sepultado en huũ moymento enõ qual, por diujnal Juizo, se leuantou fogo do çeoo o qual queymou todo o moymento et sepulcro en persona, et aa vista de todos* (RV: 4,6)
Facemos unha mínima regularización da ortografía. *d-él > del; d'este > deste; d'esto> desto; d'outros > doutros; d'as > das; d'un >dun ; d'unha > dunha; n'a> na; n'un > nun; c'un > cun; c'o él > coel; co-eles > coeles; pol-a > pola; pol-o > polo.* Igualmente cambiamos os artigos *ó, á* cando non son contractos, por *o, a.*

[881] No texto: *d'ir*.

[882] No texto: *d'as*, aquí e nos casos sucesivos deste relato (*d'as inxusticias, un d'os veciños, d'o amo, d'a comenencia, d'a xuvenca, d'a infelís*). Nós escribimos sempre *do, da, dos, das*.

Esto decía á vella de pelexos curtidos polo [883] vento, queimados polo sol, ós netos que se arrechegaban [884] á ela, namentras na [885] lareira ardían uns toxos e se quentaba o caldo n'o pote pendurado da gramalleira.

O gato facía *ron, ron*, nun curruncho, i o [886] can oubeaba [887] na eira. Zoaba o vento fóra [888], i ó lonxe ouvíanse os aturuxos dos mozos que iban [889] de tuna.

Fai moitos anos, moitos, tantos, que eu [890] teño pra min que aconteceu o [891] meu conto cuase que antes de que viñeran os mouros, que había por terras de Sar, un señor moi ruín, home fachendoso e moi laberco, prendado dunha rapaza nova garrida e xeitosa.

Pelegrina lle chamaban. Era coma un [892] sol, e daba cobiza mirala.

Casada cun [893] bon rapás, vivían en pas i en [894] gracia de Dios sin se deprocatar de que houbese [895] ninguén que lles quixera mal.

Bos cristianos, nada fantesiosos, traballadores e ben falados, eran por todos mirados e queridos.

El, Chinto, era un mozo direito coma un pau de sanguiño, forte coma un carballo.

O manate a quen servían, o que lles levaba cas [896] rendas o seu sudor, escomenzou por lle buscar as voltas a Chinto e arredrouno da aldea pra lle dar o ouro i o mouro. Pasou tempo sin se ter novas del.

Namentras, o dono do lugar non deixaba de cortexar á rapaza, sin que ela lle dese oídas nin fixese outra cousa que traballar e pensar no seu Chintiño.

As rendas foron crecendo, pois xa sabedes as mañas de que se valen os amos pra ir pedindo, pedindo e deixando ós probes labregos con ósos [897] que eles non roen.

Da xusticia non hai [898] que falar... Pouco a pouco foron por uns e por outros lados deixando a probe Pelegrina cuasemente por portas.

¡Probe muller! Solo vivía coa espranza de ter novas do seu Chinto.

I as novas chegaron. Un día, un dos veciños de Pelegrina, que fora á vila pra mercar uns trapos, lle trouxo á da morte de Chinto, acontecida unha noite escura, nun camiño, polos criados do amo.

¡Moito chorou a cuitada [899]! As longas trenzas de cabelo roxo trocáronselle unha noite brancas coma a [900] neve.

Magoada na ialma [901], ferida de morte, dou co seu corpo no leito.

Debeu de sabelo o señor [902], porque tivo a ben ir polo lugar, aproveitando unha cacería que ordearon os señoritos que coel iban.

---

[883] No texto: *pol-o,* aquí e nos casos sucesivos deste relato (*pol-o vento, pol-o sol, pol-os criados, pol-o lugar, pol-as portas, pol-o chan*). Nós escribimos sempre *polo, pola, polos, polas*.

[884] No texto*: s'arrechegaban*.

[885] No texto: *n'a,* aquí e nos casos sucesivos deste relato (*n'a lareira, n'a yalma, n'o leito, n'as maus, n'a cara, n'a cachoupa*). Nós escribimos sempre *no, na, nos, nas*.

[886] No texto: *y-o,* aquí e nos casos sucesivos deste relato (*y-o can, y-o lonxe*, *y-o mouro, Y-as novas*). Nós escribimos sempre *i* e suprimímo-lo trazo.

[887] No texto: *ouveaba*.

[888] No texto: *fora*.

[889] No texto: *qu'iban*.

[890] No texto: *qu'eu*.

[891] No texto: *ó*

[892] No texto: *com-un*, aquí e nos casos sucesivos deste relato (*com-un sol, com-un pau, com-un carballo, com-unha fera*). Nós escribimos sempre *coma un, coma unha*.

[893] No texto: *c'un,* aquí e nos casos sucesivos deste relato (*c'un bon rapás, c'un chilo*). Nós escribimos sempre *cun*.

[894] No texto: *y-en*.

[895] No texto: *qu'ouvese*.

[896] No texto: *c'as,* aquí e nos casos sucesivos deste relato (*c'as rendas, c'a espranza, c'o seu corpo, c'os ollos, c'a misma, c'a vaca*). Nós escribimos sempre *co, ca, cos, cas*.

[897] No texto: *osos*.

[898] No texto: *n'hay*.

[899] No texto: *á cuitada*.

[900] No texto: *com-a*.

[901] No texto: *y alma*.

[902] No texto: *sabel-o señor*.

Sin tirar palabra pra ninguén, meteuse polas portas de Pelegrina, namentras limpaban os cabalos do señorío.

O amo, arrastrando polo chan as suas roupas de seda e ouro, chegouse ó [903] leito onde Pelegrina estaba, cuidada por dúas [904] veciñas.

Quedo, moi quedo, con parola amorosiña, escomenzou en varios modos a convencer a Pelegrina da comenencia que lle tiña dar creto ó que lle el [905] decía, e todo viña a parar ó mesmo: a que fora coel a Santiago.

El a tería coma a[906] reina, nun pazo con xardís de froles cheirosas. El daríalle traxes e criados.

Pelegrina, cos ollos cheos de bágoas, calaba.

O amo cansouse de predicar. Ronco pola carraxe, quíxoa coller, levándoa cabo del [907].

Pelegrina tivo un arranque de xenio. Mordeuno nas maus e lle escupeu na cara a tempo que cun chilo saído do fondo da ialma [908], lle berrou [909]:

-*¡Non, asesino, non me levarás!*

Erguéuse o [910] amo, pechou [911] os puños, recadou o chapeu [912], e rillando os [913] dedos, saleu coa misma fachenda con que entrara [914]. Seus ollos botaban lume.

-*Collede canto atopedes nesta chouza* [915] -díxolle ós que na porta [916] estaban-, *e que me leven a Santiago o*[917] *mellor cuxo que haxa na corte* [918]. *Quero comer hoxe un prato de callos á saude de Pelegrina.*

Nada había na cachoupa de valemento, máis ca vaca de leite que era o [919] sustento úneco de Pelegrina, i esa [920] levárona.

Asentado nun cabalo negro com'o fume, o amo botou a testa pola porta:

-*¡Adiós, Pelegrina!* -dixo rindo-. *Lévoche a* [921] *vaca e hoxe comerei callos.*

-*Cómaos, cundanado, coma* –dixo a [922] probiña chorando e nos derradeiros alentos de vida-, *e así Dios queira que revente coeles* [923].

Así foi. Os libros que desto [924] falan, contan como aquela [925] noite, o amo [926] do lugar morreu retorcéndose como unha fera entre o [927] fato de manates, papulitos e minicreques que coel comeran [928] os callos da xuvenca da infelís Pelegrina.

---

[903] No texto: *chegous'o*.
[904] No texto: *duas*.
[905] No texto: *ll-él*.
[906] No texto: *com-a*.
[907] No texto: *d-él*.
[908] No texto: *y alma*.
[909] No texto: *berróu*.
[910] No texto: *Erguéus-o*.
[911] No texto: *pechóu*.
[912] No texto: *ó chapeu*.
[913] No texto: *rilland'os*.
[914] No texto: *qu'entrara*.
[915] No texto: *cant'atopedes n'esta chouza*.
[916] No texto: *díxollos que n'a porta.*
[917] No texto: *ó.*
[918] No texto: *q'haxa n'a corte*.
[919] No texto: *q'era ó*.
[920] No texto: *y-esa*.
[921] No texto: *Lévoch'a*.
[922] No texto: *dix'a*.
[923] No texto: *co-eles.*
[924] No texto: *d'esto*.
[925] No texto: *cóm-aquela*.
[926] No texto: *ó amo*.
[927] No texto: *entr'o*.
[928] No texto: *co-él comeran*.

Juan de Dios [929]

Aló na Habana había un almacenista que cada ano pasaba liquidación para saber como lle ía o negocio. E, se ía ben, facíalles unha festa ós empregados. Tiña unha filla única e un amigo medio poeta, que se titulaba Juan de Dios. Mandou un criado a convidar a Juan de Dios, que aquel ano todo era magnífico, para que lles dedicase unha poesía para que se divertiran.

- *¿Que vai haber de comida?* –díxolle Juan de Dios ó criado.
- *Quedaban sacrificando un xato.*
- *Pois a min que me garden a gandinga.*

Falar de gandinga parécenos outra cousa, pero alí chámanllo á corada e ó fígado e esas cousas.

Chegou o día do banquete e os empregados estaban sentados, como convidados que eran, e servía a mesa a filla. Trouxo a gandinga e púxolla a Don Juan de Dios. O poeta mirou para a rapaza e dixo:

- *Ese lunar que usté tiene*
vale uno y vale dos,
y si lo adorna su sonrisa
vale más que la gandinga
que va a comer Juan de Dios.

O criado, que estaba comendo, quixo memorizar a poesía. E repetía no seu interior:

- *Vale uno, vale...*

Pero tanto barullou e tanto cantou que esqueceu todo e para o outro día quedara coa moza ás oito da mañá, pero coa borracheira acordou ás dez e chegou tarde, correndo e alasando. Todo esmendrellado chegou ó parque e ela estaba sentada. Chega el, senta de brío e, para facerse perdoar, quixo cantar a poesía:

- *Este, eso, eso escondido que tienes...*
- *Oye, chico, tu que traes, tu vienes loco* – díxolle a moza.
- *Eso escondido que tienes*
vale uno y vale dos,
y si lo adornas con mi pinga
vale más que la gandinga
que se tragó Juan de Dios.

6.6.4. Embutidos e outros derivados cárnicos

Os embutidos representan un amplísimo abano de produtos cárnicos obtidos a partir de carne e graxa do porco, picadas en maior ou menor grao, adicionadas de diferentes produtos vexetais, condimentos e especias, e introducidas en tripas de porco para seren sometidos a afumado e curado.

Por forza temos que admitir que falar de embutidos nos fai pensar inmediatamente no porco [930], e que a carne do vacún ten unha participación moi reducida, limitada a formar parte da mestura do amoado nos casos de embutidos mixtos, nas presentacións de menor calidade. Eladio Rodríguez cita a carne e as tripas de vaca entre as materias primas utilizadas na elaboración de embutidos e pode ser que así fose en tempos. En calquera caso, nós descoñecemos este aproveitamento e ningunha outra fonte consultada apoia aquela afirmación.

[929] XCARXM2:104-105. Rexistrada en Vilarente, Abadín. O colector engade nunha nota a rodapé: *O noso informante díxonos que este conto llo contara o seu pai que fora emigrante en Cuba. Hai neste relato un dobre xogo de palabras: 'gandinga' en español vale como chanfaina ou liviáns ["Cuba y P. Rico: Chanfaina con salsa espesa", DRAE], en galego como cona. 'Gandir', en galego, é tragar: o que fai Juan de Dios coa 'gandinga'. Gandinga, xa que logo, equivale a: bolboreta, catarís, cona, conacha, concha, cono, crica, cuchufleta, cuncha, fandango, farragacha, fendecha, fendedura, greta, grila, natura, pachocha, parrocha, papo, papiño, papuxa, parragacha, parragesa, parrocha, partes, pasparuxa, paxara, paxarela, paxareta, perrecha, peseta, propio, sufrida, vulva*.

[930] Estímase que constitúen o destino do 35-40% da carne de porco.

A chacina é a excepción, elaborándose a partir da pata da vaca enteira ou en grandes pezas, dun modo similar ó que se utiliza na elaboración do xamón. Que saibamos, trátase dun produto exclusivo das zonas altas e frías do interior. Véxase o que diremos en 9.1.2. e en 15.1.4.

5892 **bandullo 4** *s.m.* Tripa grosa do porco, vaca ou carneiro, chea de carne picada embutida. (ERG).

5893 **chacina** *s.f.* Carne da pata da vaca, salgada, enxoita e secada ó aire, ó sol ou ó fume. *O resto* [da carne] *partíase en anacos axeitados, que logo de salgados e quentados ó forno, encolgábanse ó fume, pra que se curaran, quedando pra consumo durante o ano en forma de chacina* (GB2:147). (Caa., Cab., Com1, Cur., ERG, Feás-A, GB2, San., Val).

5894 **chaciña** *s.f.* Ver CHACINA /5893. (ERG, San.).

5895 **morcilla** *s.f.* Tripa de porco, carneiro ou vaca enchida de sangue cocido e outros ingredientes con cebola e especias. (ERG).

5896 **xabreia** *s.f.* Chacina. (LP).

5897 **chourizo de boche** *s.comp.m.* Chourizo feito con liviáns de porco ou de vaca, común na provincia de Ourense. (ERG).

5898 **chourizo de carne** *s.comp.m.* Chourizo feito con carne picada de porco ou de vaca. (ERG).

Por santa Catarina, a millor chaciña. (XFR2:193) [931]

6.6.5. Gastronomía ritual

6.6.5.1. Algunhas posibles raíces grecolatinas

No mundo grecolatino gardábase memoria de certos banquetes paradigmáticos a base de carne de bovino.

Idas e o seu irmán Linceo e mailos primos Cástor e Pólux, roubaron uns bois en Arcadia. Para se repartiren o botín, Idas mata un boi, párteo en catro cuartos e establece que quen acabe de comer primeiro a súa parte levará a metade do botín; e o que acabe de segundo levará a outra metade do botín. Idas acabou a súa parte antes ca ninguén e inda tivo tempo de come-la parte de seu irmán, co que quedou co armentío enteiro.

Hércules comeu un touro enteiro por dúas veces. Dunha vez matou e comeu o touro de Hylo. Doutra vez no país do Dríopes, rouboulle un touro ó rei Teiódamas.

Baco tiña de alcume *taurófago*, ben porque en honor del se sacrificaban touros, ben porque o ditirambo en honor de Baco que resultaba premiado compensábase cun touro.

Aesón, pai de Xasón, condenado a morte decide suicidarse bebendo sangue de touro. E polo mesmo método suicidouse o rei Midas, segundo nos conta Plutarco:

> *La **sangre** del toro fresca, y bebida mata por puntos, como lo experimento el Rey Midas, segun escrive Plutarco, diciendo que este Rey, viendo que no podia curar ciertos espantos, que tenia, ni librarse de imaginaciones terribles, que de ordinario le acudian, determino matarse con la sangre del toro fresca, bebiendo de ella acabo sus dias* (FSL:257).

Polo contrario, é sabido que aínda hoxe no sur de España hai quen o bebe na crenza de que produce aumento de vigor físico e que protexe contra algunhas enfermidades. No capítulo 8.10. *Os produtos da vaca na terapéutica popular* volveremos falar deste uso supostamente terapéutico do sangue.

Na antiga Grecia había unhas cerimonias denominadas *taurobolios*, que consistían en sacrificar un touro en honor da Magna Mater Deum [932] sobre unha prancha chea de buratos que estaba colocada sobre un foxo. O sangue do animal caía sobre unha persoa que se colocaba embaixo, no foxo, para purificarse dos seus pecados con esta ducha de sangue e así aviarse para a outra vida. Esta cerimonia, de orixe frixia, perviviu con forza en tempos xa cristiáns na parte occidental do Imperio. Parece que o mesmo rito se practicaba no culto de Mitra e tense suxerido a posibilidade que esta fose a función do misterioso templo romano de Santa Eulalia de Bóveda (ver. 11.4.2.1.) pero aínda non está confirmado.

[931] Santa Catariña celébrase o 25 de novembro. Os fríos que imperan nese tempo son excelentes para cura-la chacina

[932] A Gran Nai dos Deuses, é dicir, Cibeles ou Ceres.

Finalmente Tácito conta que os xermanos veneraban Mercurio por riba de tódolos outros deuses e que certos días do ano teñen por lícito ofrecerlle sacrificios humanos para aclamalo. E que coa mesma finalidade a Hércules e a Marte ofrécenlles sacrificios de animais pero que parte dos Suevos fanlle os sacrificios a Isis [933].

6.6.5.2. A festa das sete vacas de Tebra

A festa gastronómica galega máis ancestral que coñecemos, relacionada coa vaca, é a festa das sete vacas de Tebra (Tomiño) que describiu e analizou con detalle Xosé Luís Franco Grande en 1973 [934]. Por ser un rito tan senlleiro, reproducímo-la parte central do relato.

No ano 2003 seguía celebrándose aínda que o número de reses sacrificadas fora reducíndose co paso dos anos [935] ata suspenderse definitivamente no ano 2005 ó aplicarse a normativa sanitaria sobre o sacrificio dos animais de abasto e sobre benestar animal, que ata entón parecían non terse en conta, que prohiben sacrificar bovinos sen insensibilización previa fóra do matadoiro (coa excepción notoria das corridas de touros, que mesmo incrementan a dor do animal [936]) e que esixe, como é lóxico, entre outras cousas, retirar e eliminar de forma segura os materiais especificados de risco (MER).

5899 **comuneiro** *s.m.* Cada un dos dezaseis veciños que forman comunidade na Festa das Sete Vacas de Tebra, que *entran nela*. (Tebra2).

5900 **puxa 2** *s.f.* Poxa pública das vísceras comestibles das vacas sacrificadas na Festa das Sete Vacas de Tebra. (Tebra2).

5901 **entrar nela** *loc. v.* Formar comunidade varios veciños para mercar e matar unha vaca. Adoitan ser dezaseis. (Tebra2).

A festa das sete vacas

[12] *A festa do día 8 de setembro -a Natividade de María-, conocida alí por "festa de Santa María" ou "da Patrona", por sélo da parroquia de Santa María de Tebra, é moi sonada polo Baixo Miño e por outras aldeas de arredor. E a sona venlle maiormente por ser moi vello costume matar, na mesma parroquia e polos seus veciños, un número de vacas -ou bois, indistintamente- que en tempos moi remotos semella que foron nove, de sete non hai moito e, neste ano 1972, somentes unha. O verbo local para desinar este felto é carnear: Este ano non carneamos en Cimadevila.*

Por iso se lle chama aínda hoxe a festa das sete vacas [937].

Pero o viva que se mantén a tradición e o especial interés cultural e humán que este feito encerra, é algo moi merecente dun estudo demorado que eiquí non se vai facer, e, especialmente, de dar a conocer os feitos con toda meticulosidade, e aínda con aportacións gráficas, pra que os que queiran estudalos, interpretalos e comparalos poidan dispoñer do iñorado e moi estimable material que eiquí se recolle.

*Como digo, aínda en datas moi próximas de moi poucos anos, nós fumos testigos da mata de sete vacas na parroquia de Santa María de Tebra. E o que entón se adoitaba era matar unha por cada barrio -Samuelle, Cimadevila, Outeiro, Ponteciña, Carballal-, e aínda, en ocasións, lembramos que algún barrio matóu máis de unha. Dentro de Tebra, o feito ten **[13]** máis tradición en Santa Maria que nas outras parroquias. Coidamos que en San Salvador e en Vilameán xa non se carnea hoxe, anque nós lembrámonos de anos en que se fixo. O que sí está moi craro é que a xente ten concencia de que somentes en Tebra se carnea. En San Salvador e Vilameán, o acto tiña lugar tamén no mes de Setembro, con ocasión das festas máis importantes desas parroquias, pero que non corresponden á dos patróns de cada unha.*

Por comodidade (ben por darlle máis facilidades ao matachín que ven de Tomiño, ou ben por se tratar dun lugar equidistante de dous ou tres barrios), moitas veces matáronse tres ou catro vacas nun mesmo lugar, pero con destino a eses barrios concretos. Este era o caso da Devesa da Casanova -equidistante entre Outeiro, Carballal e Ponteciña-. E resulta ben

---

933 *Deorum maxime Mercurium colunt, cui certis diebus humanis quoque hostiis litare fas habent. Herculem et Martem concessis animalibus placant. pars Sueborum et Isidi sacrificat: unde causa et origo peregrino sacro, parum comperi, nisi quod signum ipsum in modum liburnae figuratum docet advectam religionem* (*Germania* 9).

934 Tebra2:10-34.

935 "A vixencia é absoluta e total. O que pode variar de ano a ano é o número de vacas que se matan (hoxe nunca se matan sete, senón tres ou catro, polo que teño entendido). Pero todo o demais é tal e como eu o conto no meu artigo que ti mencionas" (Franco Grande, comunicación persoal do 14.05.2003).

936 A este asunto dedicarémo-lo capítulo 11 e especialmente a epígrafe 11.12.3.

937 Eliseo Alonso: "Bajo Miño y costa Sur", páx. 205.

chamativo que neste ano se deixara ese lugar case sagrado e mitico e se fixera a mata nun toxal do barrio da Ponteciña, á beira dunha estrada, sin dúbida pra maior "facilidade de accesos", non lonxe da mesma Devesa da Casanova. Neste lugar, que como resulta do topónimo é unha devesa, arrodeada de veigas, hai uns penedos aos que se subía o veciño que dirixía o acto das puxas (xa veremos en qué consiste), e que adoitaba ser sempre a mesma persoa. Trátase, por algunha razón, de alguén destacado na parroquia. Tamén veremos isto máis adiante.

Danse moitas razóns do por qué deste feito de mataren os veciños mesmos esas reses, e somentes pra eles, con ocasión do día de Santa María. A máis espallada, e non a máis convincente, é que se trata dunha tradición moi vella: tradicións moi vellas fóronse hai xa moito tempo, e non por seren vellas. Outra é que, matando os mesmos veciños as vacas e repartíndoas eles, teñen confianza e seguridade tanto na calidade da carne, pois trátase dun animal conocido de todos, como no reparto que da res se faga, xa que non lle van meter, como os carniceiros, carne da agulla por folla blanda ou ósos e pelexos por carne de primeira. Tamén se dá como razón que, desta maneira, a carne ven sair moito máis barata, o cal é certo si non se conta o traballo. Moito máis fondas e fortes teñen que ser as vellas raíces de todos estes feitos, anque tamén teñan que concurrir razóns de orde práctico. Na derradeira parte deste traballo faremos por dar algunha explicación a este feito, así como unha posible interpretación do mesmo. Importa sinalar dende agora que as reses a sacrificar tanto poden ser vacas como bois, anque en tempos nada lonxanos -hai menos de vinte anos-, houbo preferencia polos bois, conforme a esculcas que fixemos e a referencias da nosa mesma familia. As reses, compre destacalo tamén, poden ser da parroquia ou non. En xeneral, non son da parroquia, por mor -coidamos nós- de que a xente refuga comer a carne da res que foi da súa propiedade, criada con tanto aloumiño e ***[15]*** *que enchéu tantas horas na vida do paisano. (Isto, en Vigo mesmo, sigue observándose hoxe con toda vixencia, no propio casco urbano -a Florida, por exemplo). O normal é comisionar a un veciño pra que merque a res. O veciño en quen recaiu este ano ese cometido adiantóu el os cartos pra a mata da vaca, mais os paisanos non lle pagarán mentres non pase un mes. Trátase de costume moi observado nas feiras, que néstas sí que ten sentido e crara finalidade práctica, xa que nese plazo o comprador pode desfacer o trato si a res ten vicios ocultos (si saiu turrona, si ten certas enfermedades, etc.); mais neste outro caso, o certo é que non sabemos o por qué do plazo. Ocúrresenos que ben se poidera tratar de que se observa por analoxía co caso xeneral e coa finalidade de, nese tempo, facer as contas de todo o acto, ao mesmo tempo que se lles dá aos veciños a posibilidade de dispoñer dun certo plazo pra o pago. Digamos tamén que neste ano a vaca foi mercada fora da parroquia.*

Ao cabo, chega o dia 6 de setembro -dous dias antes da festa de Patrona- e, pola mañán cedo, un matachin, carniceiro que ven de Tomiño, mata a res, convertida xa nunha comunidade dos veciños que a mercaron e que, entran nela, ou que carnean. Despóis de morta e logo de ser despelexada, procédese á división material do animal. Operación tan singular ten estes momentos rituáis, merecentes de toda atención:

1. Os veciños penduran a res en canal, coa cabeza pra baixo, atándoa polas patas traseiras a un pau que acostuma estar, á súa vez, amarrado a dous piñeiros. [...] Este atado é tamén ritual e xa sabido dende sempre, pois ten unhas voltas e un recorrido ben ensarillado, ao que se axustan sempre, coa finalidade de que as patas traseiras non se poidan xuntar e a res poida ser subida e baixada con facilidade e á altura que se queira. (O conocido cadro de Rembrandt O boi esfolado, seria a millor ilustración do que decimos). [...].

2. Feito isto, o matachín procede a fender a res, ao longo do espiñazo, en dúas follas, de xeito que o corte vai xusto polo medio do espiñazo, cortando as vértebras.

3. Despóis parte ao medio cada folla -cada mitade- pola costela número oito, a contar de abaixo pra riba (dende a cabeza, pois a res está pendurada coa cabeza pra baixo).

4. Con esta operación, temos xa os dianteiros e os traseiros. Entón procédese a pesar cada un deles nunha romana -a pesa, que lle chaman-, pois a idea de equidade e de igualdade preside todo o acto, de xeito que a súa observancia está moi metida no ánimo de cada quen.

Neste ano, os dianteiros pesaron 58 kilos xustos, mentras que os traseiros un pesóu 70 kilos e outro 70 e medio. A vaca, en canal, pesóu 256,50 kilos. ***[16]***

5. Logo dáselle a cada media folla un corte ao traveso -sempre presidindo a idea de exactitude e de equidade-, de xeito que cada unha delas queda dividida en catro partes. Estes son os cartos.

Pero esta operación xa non a fai o carniceiro, senón os mesmos veciños, como todas as que lle siguen. O labor do matador, pois, queda reducido a matar a vaca, despelexala, destripala e fendela en cruz. O demáis é cousa que soio poden facer os veciños. Polo seu traballo, neste ano, o matachin cobróu 350 pesetas.

6. Mais facendo agora un corte vertical ao longo de cada folla partida en cartos, saen os recartos, dazaséis en total. O recarto é a cuota ideal que ten cada veciño na vaca. Decimos ideal, pois anque eses recartos son dazaséis e dazaséis son os interesados na vaca, o recarto que leva cada veciño non é esa dazaséis ava parte da vaca, senón que o seu lote materializase de maneira que leve, pra unha maior equidade, carne dos dianteiros e dos traseiros, pois estimase que non seria xusto que uns levaran somentes traseiros e outros tan soio dianteiros, xa que a calidade e aproveitamento non son equivalentes. Asi é, pois, como se materializa esa dazaséis ava parte en que entra cada veciño, como copartícipe na comunidade da res.

Desta realidade derívanse as demáis consecuencias: terá que pagar, polo tanto, unha dazaséis ava parte do precio da res (descontado o que se obteña nas puxas, como veremos) e terá tamén, frente a esas obligacións, os correlativos dereitos.

7. Anque os lotes son dazaséis, e non é admisible de ningún xeito calquera outra división, na realidade ocurre que dous ou máis veciños póñense previamente de acordo pra repartirse entre eles un recarto. Mais na comunidade da vaca soio un deles conta; os demáis son iñorados e os tratos que poidan ter son cousas de cada un, pero totalmente ao marxe da comunidade. Así, pagará únicamente a súa dazaséis ava parte o comuneiro que como tal estea considerado polos veciños, por ter entrado como tal no reparto (sin perxuicio, craro é, de que éste reclame, pero soio il, dos outros socios seus o que teña que reclamar, pero sin que nada teña que ver coa comunidade).

E de certo que esta situación dase moito na realidade, pois a dazaséisava parte dunha vaca... é aínda moita vaca! (Neste ano, cada recarto pesóu uns dazaséis kilos).

Aínda debemos decir que formación concreta ou materialización en carne do lote de cada comuneiro, é operación que se acostuma deixar pra a tarde, pois, unha vez que a vaca quedóu dividida nos seus dianteiros e traseiros, xa se pasa a outro dos feitos máis singulares do acto: a puxa das vísceras e demáis partes da res que poden ser obxeto de puxa.

*Ese reparto ou materialización do cupo de cada un, é xa cousa enteiramente privada dos veciños, que queda reducido **[17]** a un axuste de contas a facer entre os dazaséis interesados, pois a ninguén máis interesa.*

Pola mañán cedo, tan axiña como a vaca é sacrificada, en todo o val de Tebra empezan a escoitarse os cornos como sinal de que a vaca xa se matóu e de que a xente pode ir ás puxas. É unha sorte de convocatoria ou de chamada pra o acto. No canto de tanguer as campás, o que se fai é tocar os cornos, pois éstes, o mesmo que aquélas, anuncian unha solemnidade. Neste mesmo ano, por exemplo, un equipo de altavoces andaba o día 6 polo val anunciando a festa, mentras os cornos facian o seu propio anuncio das puxas. É decir, que nin campás nin altavoces teñen nada que ver coa mata das vacas: os cornos son a única maneira de anunciar a solemnidade.

*Neste ano 1972, é certo, somentes nun barrio se tocóu o corno, que foi [...] unha gran caracola mariñeira, que se encargóu de tocar o rapaz [...]. Pra este acto das puxas sempre foi preferida esta gran caracola que se garda como un tesouro nunha casa da parroquia. Mais noutras ocasións -sin dúbida porque non habia tantas caracolas como barrios ou porque nun mesmo barrio tocaban os cornos varias persoas- botábase man dos mesmos cornos de vaca ou boi, cortados polo bico, pra a mesma finalidade. É moi normal o uso destes cornos, pois hoxe tanto se usan pra esa finalidade especial, como pra convocar aos veciños pra reparar un camiño ou limpar unha presa, ou si anda **[18]** fogo no monte, como tamén pra as chamadas cornetadas ou festas de escarnio con que os mozos da parroquia, polas noites, abouran ao viuvo ou viuva de que se ten a sospeita ou a noticia, non soio que vai casar de novo, senón que anda enredado en paliques con algunha solteira ou solteiro a horas ou en lugares que poden facer sospeitar... O sistema, pois, ten plena vixencia no día de hoxe.*

En realidade, o tocar os cornos constitúe unha verdadeira alborada, anunciadora das festas, o mesmo que as gaitas ou as treboadas que, cos primeiros foguetes, enchen o val dunha ledicia que non poderemos esquecer xa nunca máis.

E a convocatoria axiña é atendida, pois polos carreiros que van ter á Devesa da Casanova (ou aos demáis lugares onde se carnea), empeza a buligar a xente, homes e mulleres, pra ver de rematar un bó figado, uns boches ou un retrinco de bandullo pra os callos que nunca poden faltar no pantagruélico xantar do día 8, pra honra de Santa María e do apetito que temos os seus veciños.

As puxas constitúen un acto de moita importancia.

Obxeto das puxas son as vísceras da res sacrificada, pero tamén o rabo, o ubre, a cachola e as patas. O pelexo do animal, ao menos neste ano, foi regalado ao veciño que adiantóu os cartos pra mercar a vaca, que é carniceiro en Tomiño.

O director das puxas é un veciño da parroquia, persoa sempre de respeto pra todos, pois ha de estar por riba dos intereses de cada quen, ao servicio total do acto. Trátase sempre dun petrucio moi sentado, de moita persoalidade, e que sempre resulta que é tamén o que fai as puxas da Santa María o día 8, na procesión que con ela se fai arredor da ilesia e polo turreiro da festa -onde está o cruceiro do Calvario. Lembrarémonos sempre do tío José do Lea, como puxador da Santa e como puxador na Devesa da Casanova. Morto hai uns cantos anos, as puxas deste ano 1972 foron dirixidas por Evaristo do Florencio [...] quen, coa rara habilidade que esixe e require o acto, cunha finura, e dominio poucas veces vistos, deu ao acto a dinidade dos millores tempos. Poucas veces as ideas medulares do mesmo -seriedade, equidade, o facer ben as cousas- brilaron tan alto como desta vez.

O puxador colle na man a peza que se vai subastar. Case nunca abre il a puxa, senón que agarda a que o fagan as xentes que se amorean arredor dil. E como a cousa vai con calma, sempre ten que decir algo máis ou menos retranqueiro pra que a xente se decida. Pode que este sexa o intre máis difícil do acto, o que máis habilidade esixe deste persoaxe. As puxas son moi lentas: un ril que neste ano se rematóu en 30 pesetas, empezóu a ser subastado en menos de 15 pesetas e custóu moito chegar a aquela cantidade.

***[19]** Sin dúbida, unha das razóns desta lentitude, máis que a cobiza de levarse a peza por poucos cartos -que tamén a hai-, é o respeto, o inmenso respeto (que xa case non entendemos os que estamos acostumados ás subastas dos xuzgados das nosas cidades, sempre turbias e cheas de escuros intereses, e nas que se abesullan procedimentos*

verdadeiramente delictivos) que os demáis licitadores merecen. A seriedade con que se ateñen ás leises do xogo -pra iso son leises e son un xogo-, é un dos símbolos ou manifestacións de cultura que máis nos teñen impresionado. E non digamos a todos aqueles que un día, de súpeto, se atopan con este acto singular.

Imos poñer dous exemplos ilustrativos e reveladores, feitos ocurridos neste ano: xa fora puxado un ril en 30 pesetas, mais ao facerse a puxa do outro, non había maneira de que se dera subido de 15 pesetas. O puxador estaba moi amolado; pero dun xeito moi especial todos os concurrentes, pois víase que non estimaban xusto que saira un máis favorecido que o outro, sendo o obxeto da puxa igual. Cando, ao cabo, e despóis de moitas voltas e tira e afloxa do puxador, se chegóu ás trinta pesetas, houbo un respiro xeneral de alivio, pois a equidade chegóu e todos quedaron moi ledos e satisfeitos.

E outro caso foi unha curiosa puxa que fixo un velliño da parroquia. No ánimo de todos os presentes estaba o regalarlle un retrinco de bandullo polo que mostróu interés, tendo en conta además que axudara nos traballos. Mais non se fixo así. Fíxose unha puxa simbólica; dixéronlle que abrira cun precio que coidara axeitado, e ao remate adxudicóuselle ¡nunha peseta!

A elegancia do feito, a delicadeza e cultura que supón, é moi dina de ser suliñada eiquí, pois dar unha imaxe de todo o acto é o que nós nos propuxemos. O xogo é o xogo, e as súas reglas rixen pra cada quen.

Compre suliñar aínda en orde a este acto os feitos seguintes:

1. As vísceras e demáis obxetos de puxa, son na maoría dos casos retallos e non pezas enteiras. Esa é a norma xeneral, que somentes cede nos casos seguintes: rabo, língua, cachola e os mesmos riles, pois anque se puxan enteiros, a puxa faise por separado.

2. As pezas puxadas non se pagan nunca no acto. Tanto é así que a quen queira pagar, non se lle reciben os cartos. (E así ocurríu de feito este ano, nun caso de puxador de fora da parroquia). A veira do director da puxa hai sempre alguén que vai collendo o nome da persoa que puxa, do que puxóu e do que poderiíamos chamar precio de remate.

E como a vaca non se paga senón ao mes da compra, o cobro do importe das puxas faise antes dese día, pra o cal hai sempre alguén que se encarga. ***[21]***

3. Os cartos que se xuntan desas puxas destínanse a pagar o precio da vaca. Naturalmente, o que se obtén é arredor dunha décima parte do custe total da vaca. Por iso, o resto debe prorratearse entre os dazaséis comuneiros que entraron nos recartos. Anque fixemos algunhas averiguacións, non hai hoxe a menor noticia nin a máis vaga lembranza de que nalgún tempo os cartos procedentes das puxas tiveran relación algunha cos cultos relixiosos, nin siquera cos gastos da festa profana. Pra que se poida ter unha idea o máis cabal posible das puxas e dos seus precios, asi como dos lotes que foron puxados, damos a seguir un cadro relativo ao ano actual:

Partes da vaca que se poxaron en 1972	**Prezo (en pesetas) en que se adxudicaron os diferentes lotes**
Cachola	155
Rabo	50
Carnes mortas	40 , 35, 45, 10
Ril	30, 30
Corazón	30, 30, 30, 30
Fígado	35, 40, 60, 105, 50, 55, 55, 70, 95
Pata	26, 25, 36, 30
Boche	40, 45, 45, 45
Lingua	230
Ubre	25, 10, 25, 15
Sebo	10, 20, 20, 15, 5, 5, 5
Callos	5, 16, 15, 16, 10, 12, 45, 25, 20, 1
Total	1.922

4. A cobiza da equidade, como xa queda dito, preside todo o acto, de maneira que sempre está presente a idea de igualdade nos repartos. En canto ás puxas o mesmo. Do cadro anterior resulta que, fora de algunha rara excepción, as vísceras parellas tiveron precio semellante. E si por calquer razón non se chega nas puxas a esa igualdade equitativa, o feito non senta ben a ninguén. Algunhas diferenzas minimas de precio que se botan de ver, responden a non se poder chegar a ***[22]*** *unha división simétrica da peza: é o caso, por exemplo, do fígado ou dos retallos de bandullo.*

5. Nas puxas pode entrar calquer persoa. O sistema é tan aberto que aínda un simple curioso, alleo á parroquia ou desconocido de todos, pode puxar; e non soio non se vé mal que o faga, senón que en moitas ocasións os mesmos veciños encirran a un presente ocasional pra que interveña na puxa. O feito, pois, é visto con simpatía, como un verdadeiro xogo, a ver qué pasa.

O mesmo director da puxa pode intervir como un máis, si é que lle interesa, e así ocurre sempre. Non facelo sería máis ben un acto "distante", pois non tería simpática acollida. Mais as reglas do xogo -que il é o primeiro en acatar e en impoñer- lévanlle a non abusar da súa condición, sin que tampouco teña por qué quedarse curto. É un máis, e con isto queda dito todo. E non se ten noticia algunha de que nunca teña ocurrido algo que supuxera un apartarse destas normas que uns e outros observan con verdadeira relixiosidade, pero de xeito moi natural, como cousa sabida, que é así e nada máis. ***[23]***

Ningunha norma escrita tería millor acollida nin sería máis respetada.

E, por suposto, nada impide que entren tamén nas puxas, participando nelas, os mesmos que entran como coparticipes na comunidade da vaca. Pois case todos, además do seu recarto de carne (ben enteiro ou ben a partir con outros), acostuman levar tamén un anaco de fígado, boches ou bandullo pra os callos, etc. Pero tamén sin abusar e dando preferencia a quenes viñeron pra puxar e non teñen parte na vaca. É moito señorío o que hai na natural observancia destas normas.

A idea de "apertura" coido que debe ser moi suliñada. E tanto está na concencia dos veciños que, neste ano por exemplo, un foráneo perguntóu si lle deixaban meter o nariz no acto. A resposta non puido ser máis explicita: Se isto é público!. Ten moita importancia esta resposta pois en realidade o acto non é público (anque se faga en público), senón privadísimo dos veciños de Tebra, que son os que pagan a vaca e quenes primeiro que ninguén teñen dereito a aproveitarse dela.

6. As carnes ouxeto de puxa nunca se pesan. Pártense a ollo e, iso sí, percurando a máxima igualdade posible. Pero o que máis chama a atención é que a romana -a pesa- está alí e con ela pesáronse os dianteiros e máis os traseiros. É como si fora tabú: non se lle toca.

Trátase tamén dunha das reglas do xogo. E nin por un intre se lle pasa a ninguén pola imaxinación botar man da pesa. É como si houbera un compromiso -que ésa poidera ser a explicación, según imos ver-, ou unha palabra dada, á que non se pode faltar. Sería unha vergonza.

¡Qué fermoso pais onde isto ocurre aínda así!

Coidamos que a explicación non é nada doada. Nin nós mesmos estamos moi de acordo co que imos expoñer, e soio o facemos pra dar a conocer un dato que sí é importante, anque non sirva pra explicar este feito.

Os carniceiros de Tomiño, como si tiveran envexa dos veciños de Tebra que carnean, sempre fixeron todo o que poideron por acabar con este aspecto -o máis importante- da festa. Nós comprendemos que, dende o seu punto de vista, a carne de sete vacas, que podían vender e non vendian, traducíase nun feixe de cartos que non entraban no seu peto. Isto explica, e xustifica, as denuncias que todos os anos facían eses carniceiros ao concello e á Fiscalía de Tasas. Mais cos de Tebra non se pode asi como asi, e nós sabémolo ben. No ano 1950 o pleito cos carniceiros debéu de chegar (ou millor, dos carniceiros cos veciños de Tebra, pois unha norma déstes é non ir nunca a onde non os chaman) ao seu grado de máis escura paixón. E, sempre según informacións recollidas, resulta que desta vez sí que aparecéu un funcionario da Fiscalia de Tasas pra ver qué cousas raras pasaban en Tebra. O caso foi que, ao ***[24]*** *parecer, o mesmo concello tivo que convocar unha xuntanza de emerxencia, ao atoparse coa presencia dun funcionario que polo menos tiña a versión dos carniceiros. Un veciño de Tebra conocido no concello espuxo que il lembraba o feito da mata das vacas de toda a súa vida e deu todos os detalles que se lle pediron: o caso foi que os demáis veciños pediron que constara en acta canto ali se dixo, coa finalidade de que quedara escrito. Por mor deste feito, hoxe hai a concencia de que naquel entón preconstituíuse un dereito en favor da parroquia, que xa ninguén se poderá meter con eles e que a tradición seguirá, sempre que non deixen de matar un ano. Si isto ocurrira, perderían os seus dereitos.*

Nós non conocemos esa acta, nin siquera sabemos con seguridade si existe, mais ben se nos alcanza que ese non pode ser o contido, nin siquera que poidera haber unha sorte de transacción dos carniceiros cos veciños. Mais o que sí puido moi ben ocurrir é que os veciños de Tebra espuxeran ou se comprometeran a que o acto era enteiramente privado, que non se trataba de competencia ilicita e que quedaba reducido a ese dia do ano. ¿Sería que, como manifestación externa dese compromiso, si o houbo, non se lle toca á pesa, querendo expresar con iso que nin siquera se utilizan aparellos de carniceiro no acto? A data é moi prósima, dende logo, e poidera ser que se trate dun feito que responde a un simbolismo que a nós non se nos alcanza.

Tanto o reparto da vaca como as puxas veñen ser como a preparación do gran xantar do dia 8, festa de Santa Maria ou da Patrona. A festa profana de máis pulo é a do dia 7 -as vísperas, que lle chaman-, na que, aparte das treboadas que pala mañán cedo anuncian as festas, acostuma haber, además dunha banda de música de perto de Tebra -a de Tabagón, Pexegueiro, etc.-, outra de moita sona -lembrámonos agora da Lira de Ribadavia, da Municipal de Ourense, etc. Nos derradeiros anos tamén teñen ido orquestas, que fan máis barullo.

Ibamos falar do gran xantar do dia 8. É certamente pantagruélico, con moitos platos de carne, adobiada de moi distintas maneiras -peixe é, ou era, cousa de probes-, sin que poida faltar o estofado, nin os callos, o cabrito ou o carneiro asados. Tampouco faltan nunca, entre as lambetadas, as papas de arroz, moi frias, con moita canela moida e un chisco, pouco, de limón. (Agora hai casas moi finas onde fan entrantes e cousas asi. ¡Triste civilización a que ten que entrar por papanatería!).

Pra este xantar é moi vello costume convidar aos parentes, e aínda a certos amigos, de fora da parroquia. E con eles vaise á misa solemne -con sermón e todo- do día 8, na que a imaxe ***[25]*** *de Santa María sae arredor da ilesia e vai ao Cruceiro do Calvario, no turreiro onde se beilla. E cantos máis parentes se leve con un, máis señorío e máis chufa. É tanta a devoción que a Patrona ten na parroquia que os mesmos emigrados de América contribúen a costear a festa, como calquera outro veciño. E así vai na procesión a imaxe de Santa María, toda enxoiada con longos pendentes de ouro, que pra ese día lle empresta unha paisana de Tebra, pero que teñen que ser moi longos e colgantes. E leva, además, colares arredor do pescozo, que lle empresta pra o seu día algunha moza repoluda do val de Tebra, que tamén as hai. De certo que a Santa fai o seu recorrido chea de maxestade, arrodeada de cachos ou acios que acostuman poñerlle as mozas da Ponteciña, pois ese barrio -que é ao que máis axiña lle dá o sol- é o que por esas datas ten as uvas máis maduras. E además das uvas, moitos billetes de mil pesetas. A Santa é verdadeiramente señora de Tebra -máis que Pedro Madruga noutros tempos, por sorte- e nese día soio ela existe. Nin siquera Deus -e que me perdoe-, pois na concencia da xente ela é a Nai. Por iso o Fillo -ao menos nese día- non conta!*

Mais o levar a Santa nas súas andas é tamén ouxeto de puxa. Ao sair da ilesia faise unha puxa. (Non sabemos si pra traela pra fora hai tamén unha puxa, pero sí pra metela dentro). Os que máis dean, serán os que a leven á porta do adro. E pra levala dende a porta do adro ao Calvario, hai outra puxa. E o mesmo en todo o recorrido de volta. E ao chegar á porta da ilesia, hai unha derradeira puxa pra os que queiran metela e levala ao seu altar. Isto, como se sabe, é ben común en Galicia.

Rematada a ceremonia relixiosa, o de sempre: unha tirada de foguetes que cada ano dura un pouco máis e, si pode ser, que dure máis que a da parroquia de máis á veira. E despóis a beillar. E máis logo a xantar. ¡Moito se xanta en Tebra ese día! ¿E por qué non si pra iso se mataron as vacas? E cando o xantar vai polo medio, alá polas cinco da tarde, os maiordomos teñen por costume botar un foguete de tres estralos: faino o da Ponteciña, síguelle o de Cimadevila, logo o do Carballal, o de Samuelle, o de Outeiro. Tanto se xanta -e se bebe- que a testa, a festa do turreiro, xa non sigue senón ao sol pór.

Santa María, dende logo, alá no ceo debe estar moi leda!

E ten razón pra estálo, pois pode que en ningures teña a festa que en Tebra ten... unha festa que ten as súas raices -ben vedraias e fondas- moito antes de ser ela Santa María.

6.6.5.3. Outras festas gastronómicas

Nos últimos decenios Galicia viu unha proliferación de festas gastronómicas que pretenden dar saída a produtos agropecuarios e atraer por un día un turismo que dea vida a unha localidade. Isto fixo que moitos organizadores empezasen por estimular algunhas das mellores cociñeiras da localidade a presentaren a súa especialidade culinaria ós visitantes e a competiren con outras. A idea axiña prendeu, a xente empezou a vir, cada ano de máis lonxe grazas a unha publicidade boca a boca, convertendo a festa nunha industria local de vintecatro horas por ano. Nalgúns casos, varios días [938]. Este turismo gastronómico callou na sociedade galega a tal punto que se pode dicir que cada domingo do ano hai algún lugar a onde ir xantar algo especial e xa empeza a ser difícil encontrar un Concello que non teña a súa festa gastronómica; hainos mesmo que teñen varias distintas nas que diferentes parroquias ou grupos sociais compiten a ver quen ten a festa máis rachada [939].

A presenza do sintagma *carne ó caldeiro* na Internet medrou espectacularmente [940]: podería pensarse que este fose un indicio do aumento das festas gastronómicas, pero cómpre ter en conta que moitas son referencias de restaurantes e receitas e, sobre todo, que aí intervén de maneira máis decisiva o aumento exponencial do uso da lingua galega na Rede. Indicio máis fiable parece o feito de que seguen nacendo festas, coma a da Carne ó Caldeiro en Piñeiro (Bandeira) que xa na primeira edición o 15.03.2003 convocou 1.300 persoas; ou que no 2000 naceu en Ourense unha feira destas festas que é o *Xantar* (Salón galego de gastronomía e turismo), ó que acoden a promocionarse case 200 das máis de 300 festas gastronómicas galegas e outras festas gastronómicas do resto de España, de Europa e de América.

Intentar recoller aquí tódalas festas gastronómicas que se celebran en Galicia ó longo do ano suporía un esforzo que ademais de excesivo resultaría pouco útil, ó quedar desactualizado en moi pouco tempo. Nin sequera podemos facelo cinguíndonos a aquelas que teñan que ver coa vaca ou cos seus produtos comestibles.

---

[938] Este fenómeno de aumentar pouco a pouco os días da festa, engadindo actos e xornadas máis ou menos paralelas, parece ser contaxioso e chega a ser tan extensa que xa se pode ler na prensa destes últimos anos algunha queixa ó respecto.

[939] A partir dos anos setenta e oitenta o número de celebracións estritamente gastronómicas (incluídas as que non teñen que ver cos produtos da vaca) foi en progreso constante: 24 na década dos setenta; 59 na dos oitenta. Pero foi nestes últimos anos, na década dos 90, cando se produce unha verdadeira explosión das festas gastronómicas (79 festas novas dende o 90 ó 94), tendo 1992 a mellor marca con 28 novas celebracións (MG-FC). A modo de exemplo, na páxina web www.galiciaenfiestas.com pode consultarse unha relación que aumentou de 192 celebracións a 6.10.2003 ata 287 a 29.05.2007.

[940] En Google para a *carne ó caldeiro* pasouse de 266 ligazóns (ano 2003) a 588 (2005), 872 (2007) e 88.000 en outubro de 2009. A 29.3.2010 *carne ó caldeiro* ten 130.000 citas; e *carne ao caldeiro*, 97.600.

Aínda con esta limitación, no seguinte cadro enumeraremos unha listaxe non exhaustiva daquelas máis sobranceiras.

Na elaboración deste cadro de festas gastronómicas seguimos cinco fontes de internet que identificamos cos seus números, cando hai discrepancias:

1. http://www.galinor.es/galeria/fiestas-g.html
2. http://www.lareira.net/ga/festas/festas_mes.htm
3. http://usuarios.lycos.es/gastronomiagalega/festas/menus/datas/datas.html
4. http://cfm.telepolis.com/frm/mostrar.cfm?origen=nav&url_salida=http://www.galiciaenfiestas.com
5. www.galiciaenfiestas.com

Incluímo-las festas da empanada, porque coidamos que tamén pode ser de carne de vaca, pero excluímos aquelas que explicitan que non o é, coma a Festa da Empanada de lamprea en Padrón (Sábado Santo).

Festas gastronómicas nas que se exalta a carne de vaca		
Carne	outubro	Montederramo
Carne ó caldeiro	entre marzo e abril	Piñeiro (Silleda)
	4 de maio	Teo
	1 de xuño (...e bola con torresmos)	Bidueiros (Dozón)
	22 de xuño	A Peroxa
	30 de xuño	Liñaio (Negreira)
	29 de xullo	Remourelle, Arante (Ribadeo)
	15 de agosto	Carballedo
	último sábado de novembro	Agolada
Callos	xaneiro	Vilanova de Arousa
	abril	Vigo
	1º domingo xullo	Parga (Guitiriz)
	11 xullo (1) (domingo máis próximo); 13 de xullo (4); 14 de xullo (5)	O Mosteiro (Meis)
	1º domingo setembro	Salceda de Caselas
	5 de outubro	O Porriño
Carne á brasa	21 e 22 agosto	Mazaricos
Cocido	maio	O Courel
	fins de marzo 10 de agosto (4)	Cee
	domingo anterior ó entroido	Lalín
	15 agosto (sábado anterior)	San Cristovo de Cea
	sábado anterior ó 15 de agosto	Cea
Costeleta	19 de marzo	Moaña
Empanada	marzo	Chantada
	último domingo marzo	Monforte
	maio	Mondoñedo
	último domingo maio	Arteixo
	1º domingo xuño	A Barqueira (Cerdido)
	1º sábado xullo	Muros
	xullo	Rábade
	16 de agosto	Mondariz
	3º domingo agosto	O Carballiño
	3º domingo agosto (2); último fin de semana (3); 24-25 de agosto (4)	Allariz
	3º sábado de agosto (3); 4º sábado de agosto (4)	Bandeira (Silleda)
	último domingo agosto	Noia
	1º dom. de setembro (Pan e empanada)	Neda
	setembro	Carral
	setembro (3); 22 de setembro (4)	Bouzas (Vigo)
Tenreira galega	1 de maio	Láncara
Terneira galega	26-27 xuño (5); variable xuño (2), setembro (3)	Melide
Tenreira	1 de agosto	Mazaricos

Festas gastronómicas con derivados do leite de vaca		
Queixo	variable xuño	Corredoira (Cotobade)
	último domingo de maio	Curtis
	2ª ou 3ª fin semana xuño	Cotobade
Queixo do Cebreiro	domingo de Ramos	Pedrafita do Cebreiro
	1º fin de semana agosto	As Nogais
Queixo de San Simón	abril	Vilalba
Queixo e mel	1º domingo outubro	A Barqueira (Cerdido)
Queixo tetilla	ultimo domingo febreiro	Antas do Ulla, Palas, Monterroso (altérnanse)
	1º domingo marzo	Arzúa
Queixo de Ousá e pan	3º domingo marzo	Friol
Queixo Arzúa-Ulloa	abril	Monterroso
Queixo, androlla e lacón	21 xaneiro; variable (5)	As Nogais
Requeixo	29 agosto (2); último domingo (3, 5)	A Capela
	domingo máis próximo ó 13 de xullo.	Corredoira (Cotobade)

Festas de pratos elaborados con leite ou manteiga		
arroz con leite	xuño	Ferrol
bica	xullo	Castro Caldelas
	último domingo xullo (4); último domingo agosto (3)	Poboa de Trives
	último domingo xullo	Manzaneda
chulas	setembro	Moscoso (Pazos de Borbén)
filloa	domingo piñata (1); domingo de carnaval (4)	Lestedo (Boqueixón)
	domingo de antroido (filloa e orella)	Porto do Son
	martes de antroido	Cee
	antroido	Negreira, Ribadeo
	sábado seguinte a martes de antroido	Sada
	1 maio	Muimenta (Cospeito)
	setembro	Valongo (Cotobade)
melindre	maio	Curtis
***queique** [941]	17 agosto	Ordes
rosca	febreiro	Monforte
	agosto	Verea (Sober)
roscón de xema	xuño	A Guarda
roscón	mediados de xullo	Muros
rosquilla	domingo de pascua	Silleda
	1º domingo xullo	Gondomar

Compartir mesa en Galicia é motivo de felicidade colectiva e estas festas son unha necesaria válvula de escape a tensións. E pouco importa que o conxunto das festas gastronómicas de Galicia sexan unha reacción do inconsciente colectivo contra a memoria da fame: Galicia padeceu grandes fames e a emigración é unha evidencia histórica de carencias masivas.

Non son mala cousa as festas gastronómicas. Pero, como o calendario gastronómico se está convertendo nun capítulo importante da política turística, faise evidente, primeiro, que esta actividade –entre lúdica e económica- está pedindo urxentemente unha regulación e, segundo, que non poucas das festas deste tipo necesitan unha remodelación. En principio a calidade dos produtos que se cociñan é habitualmente alta, pero a concentración cada ano maior de comensais nun mesmo día provoca que nalgunha delas, sendo insuficientes os produtos locais, acaban traéndoos de fóra (á parte da tentación de buscar produtos foráneos, máis baratos), co que se perde un dos elementos de autenticidade da orixe da festa. Pero é a mesma masificación, soñada

[941] Ese biscoito con froitas e con abonda manteiga é de orixe inglesa (*plum-cake*) e unha cafetería de Ordes, onde paraba o Castromil, conseguiu vendelo ós viaxeiros ata convertelo en compra característica dunha viaxe entre Santiago e A Coruña. Unha festa semellante tamén a celebran en Mera (Oleiros) en xullo.

polos organizadores, a que se volve contra a calidade, porque se deu algún caso no que as condicións do servizo, de acollida e atención ós visitantes, e mesmo a hixiene do proceso culinario eran baixas. Tamén o son nestes eventos os controis sanitarios. Case se podería asegurar que estes aspectos de calidade se reducen en proporción directa ó número de visitantes. A obsesión de superar unha marca que permita entrar no libro Guinness acabou de estragar unha idea que inicialmente era moi boa.

A falta dun autocontrol dos concellos e entidades organizadoras, todo leva a demandar unha regulación oficial que potencie o positivo destas festas e que elimine evidentes desviacións que a todos prexudican.

6.6.7. O comercio dos produtos da vaca

6.6.7.1. O leite

Xaquín Lorenzo [942] describe así a actividade das leiteiras:

> *Pola mañán cedo, a leiteira mungue as súas vacas e percorre as casas mercándollel-o leite, que recolle nunha canada e vai botando nas latas do leite. Cando o apañóu todo, colle o camiño da cidade, levando unha lata na cabeza e outra en cada man, chegando a portar dúas en cada man, cun total de cinco latas. Cando dispón dun burro, ármanlle por riba os caixóns e alí meten as latas, sentándose ela no meio. Chegada, deixa o burro na casa dalgún coñecido ou nalgún parador, colle as latas na man e vai polas casas que adoitan collerllo sen perxuicio de vender pola rúa o que poidan, pregoando: "Quen merca o leite?"*

No capítulo 16. *A vaca na literatura* reproducimos íntegra a poesía de Francisco Añón, *A leiteira*, que vai á vila vende-lo seu leite anunciándoo do mesmo xeito.



Leiteira, escultura de Ramón Conde na rúa do Paseo, Ourense.

[942] XLF:588.

5902 **agustineiro** *s.m.* Leiteiro. No barallete. De *agustín*, leite. (Morei., XCC).

5903 **leiteira 1** *s.f.* Muller que vende leite a domicilio e pregoándoa polas rúas. *As leiteiras mércano* [o leite] *en varias casas veciñas e lévano, andando, en burro ou en transporte público, ás cidades, onde o reparten polas casas das súas clientas* (XRMF4:89). (Cab., Ced., Cod., Com1, Cre., Cur., Feás-A, Fri., Gro1, Incio, JMP, Laxe, Mon., Pantón, Ram., San., Sob., Ver1, XLF, XRMF4, Xun.).

5904 **leiteiría** *s.f.* Leitería, tenda ou posto no que se vende leite. *O leite tén varios destiños: un queda na casa pra alimento da xente; outro véndese, ben a veciños que o van mercar alí regularmente pró seu consumo, ben ás 'leiteirías' que o venden nas vilas e cidades* (XLF:303). (ERG, XLF).

5905 **pesaleite** *s.m.* Instrumento que serve para medi-la densidade do leite. (ERG).

5905b **aguavicheleite** *s.comp.f.* Leite intencionadamente rebaixado con auga para a venda. É denominación humorística e hiperbólica creada aglutinando unha frase dirixida á auga (non ó leite) que resalta que escasamente viu (xa non ve) leite: é dicir, que hai máis auga ca leite. (Barro, CLam3, Grixó).

*¿*Eres leiteira de Arroxo? Xa, xa.* (UCA2:36) [943]

*¿*Eres leiteiriña de Arroxo? Xa, xa te conozo.* (VLLM:1,142) [944]

Madrugadores, beatas, cregos e burras do leite. (VLLM:2,54) [945]

O leite, ó pé da vaca, e... ¡ollo coa trampa! (VLLM:1,127) [946]

As rapaciñas de Noia
cando van vender o leite
levan o cacho do lume
para traer o aceite. [947]

As señoras aldeanas
cando van vende-lo leite
se a vaca dá tres cuartillos
elas levan seis ou sete,
con almidón e con augha
arman ghran compusición
e despois mexan na lata
pra remata-la cuestión. [948]

Dime, leiteira de Arroxo:
¿Con que aleita-lo teu xato
traguendo sempre pra a vila
xarros de leite tamaños? [949]

En Cobas e na Mariña
xa temos o que queremos,
temos leiteiras a par
que pagan a todos precios. [950]

Pola calle van dicindo
quén quer o leite que é bo:
si é leite que se prenda,
rapaza, traimo acó. [951]

Este sistema artesanal e incontrolado de venda de leite directamente ó consumidor e a domicilio entrou en crise, como era de esperar, arredor de 1950. Ben mirado, foi moi tarde, porque Europa xa coñecía dende o século XIX derivados de longa conservación, coma o leite condensado (EEUU 1850), as fariñas lacteadas (Suíza 1860), o leite maternizado (Alemaña 1890) a desnatadadora industrial (Suecia 1872); e, por parte, Cataluña, Cantabria, o entorno de Madrid e Asturias xa se adiantaran na industrialización e comercialización

943 Na tradición oral funciona sempre un proceso de ampliación ou compresión das unidades polo que un refrán pode estende-lo seu tamaño ata converterse en cantiga ou unha cantiga comprimirse perdendo versos ata converterse en refrán. Estes fenómenos levan respectivamente os nomes de *explicitación* e *implicitación* que lles puxo o fraseólogo ucraíno Valerii Mokienko. Neste refrán e nos dous que seguen pódese ver ese proceso en funcionamento. O terceiro, que recolle como refrán VLLM, chega mesmo a resultar opaco pola perda dalgún elemento que, dándoo por sabido de todos, elidiuse e agora resulta difícil recuperar esa elisión e entendelo.

944 Llópiz: *d'Arroxo*; explica que as vacas de Arroxo teñen sona de leiteiras; nótese o castelanismo *eres* por *es*. Véxase nota a *De Arroxo, nin gado nin xente...* na epígrafe 3.2.1. *Gando ruín, grande e mal feito*.

945 No texto: *crégos*. Máis que refrán parece un fragmento dunha descrición do abrente nunha vila.

946 Llópiz: *A leite, ao pe, cá*; e di que o recolle de *Como falan os brañegos*. Nós non o atopamos.

947 JPBIII:130.19, AGA:25. No texto: *Noya, d'o lume* (JPBIII).

948 SCHU6/2/2315; no texto: *s'a vaca*. Fragmento final dun longo cantar, recollido na Estrada. Refírese ó vello costume de engadir auga ó leite (*bautiza-lo leite*), do que veremos outro exemplo na poesía de F. Añón *A leiteira*, e fai alusión ó non menos vello truco, para que non se aprecie o fraude, de botar amidón e sal para que restituí-la densidade e viscosidade normais, diminuídas coa auga. Por veces, ese sal engadido era o que achegaba a urina da leiteira.

949 MLP2:03, MLP3:210. No texto: *con qué aléital-o* (MLP2); *aleitas o* (MLP3). Leiras explica que Arroxo é un outeiro cun burgo de casas que hai indo de Mondoñedo a Vilanova. Véxanse os comentarios a estes refráns en 15.3.

950 Ferr9.

951 JPBI:156.54. No texto: *Pol-a calle, bó, tráim'o acó*.

do leite, que Galicia non inicia ata 1922: faino o dinámico médico López Suárez (Xan de Forcados) no pazo de Arxeriz (Fión, O Saviñao) producindo queixo. En 1938 instálase en Ponte Cesures ILEPSA (Nestlé) que inicia en Galicia a recollida de leite e que elabora leite condensado. Os irmáns Rodríguez López, sobriños de Xan de Forcados, crean LARSA (1947) que terá fábricas en Vilagarcía e Vigo. A nova disciplina de Centrais Leiteiras crea LEYMA na Coruña en 1965. A cooperativa FEIRACO nace en Negreira en 1968. Pouco e pouco estes, e outros que viñeron detrás, puxeron en marcha a comercialización de leite galego pasteurizado ou esterilizado e derivados como manteiga, queixo e iogur mediante un proceso industrial con rigorosos controis sanitarios e unha audaz presenza no mercado galego e no das grandes cidades españolas (http://www.usc.es/snl/dinamiza/UD/Ana_Cabana.pdf).

6.6.7.2. A manteiga

5906 **manteigueiro 1** *s.m.* Persoa que fai ou vende manteiga. (ERG, Xun2).

5907 **nateiro 2** *s.m.* Alcume dos naturais de Furcos (Cuntis) por adicarse ó negocio do leite. A nosa fonte dáo como adx. (ERQ2).

5908 **valura** *s.f.* Pela, trozo de manteiga que as mulleres levan a vender ás feiras. (VS3).

A muller e a manteiga, adobalas pra levalas á feira. (EGE:99)
A muller i a manteiga adóbanse prá feira. (XTC4)
Vale máis unha valura cunha saia de picote que unha cuturra con cen reás de dote. (VS4) [952]

Domingo de Meira
vende a manteiga,
que eu son de Castro de Rei
e xa a comerei. [953]

6.6.7.3. O queixo



Homenaxe á queixeira de Arzúa.

[952] No texto: *c'unha.* Saco explica o seguinte: *Valura: mujer de la parte de Castro de Rey y Pol. Valura no sé si es del verbo valer, si es de valura de manteiga; llámase valura a un trozo de manteca que las mujeres venden en las ferias. Picote: lana con lino. Cuturra son las de cerca de Lugo, que son verdaderas cotorras.*

[953] RCI:29.

5909 **queixeiro 1** *s.m.* Persoa que fai ou vende queixos. (ERG, JMP).
5910 **tetilleiro** *s.m.* Persoa que fai queixos. Supoñemos que de **tetilla*. (ERG).
5911 **labrar 2** *v.* Elaborar [o queixo]. (Sob).

Algo vale o queixo cando o dan ó peso. (ERG:queixo)
O cardo e o queixo, ó peso. (ERG:cardo) [954]
O coiro e o queixo, mercalo ó peso. (ERG:mercar) [955]
O melón e o queixo, sempre ó peso. (ERG:melón)
Cálate puta de casa e gato, soldados e queixeiros e pra máis desprezo, dos canteiros. (XTC4) [956]
O que vende a la na ovella e o queixo na encella e o pan no agosto e o viño en mosto, a súa gaanza dá a outro. (VLLM:2,17) [957]
Quen vende a fariña e o queixo na encella, ou viño en mosto, e o trigo en agosto, súa ganancia dá a outro. (VS) [958]
O queixo hase mercar na queixeira; e o trigo, na eira. (ERG:queixo) [959]
O queixo, na queixeira e o centeo, na eira. (ERG:queixo) [960]

Eu fun á feira os queixos vender
viñeron as nenas: -¿Que queres por el?
-Cólleo na mau e mírao ben
que coma os meus non os ten ninguén.[961]

6.6.7.4. As tripas

5912 **callosa** *s.f.* Muller que limpa as tripas dos animais sacrificados e vende callos. (Ver4).
5913 **tripicalleiro** *s.m.* Persoa que vende tripas e callos. (ERG).

6.6.7.5. A chacina

5914 **chacinador** *s.m.* Persoa que fai chacina. (ERG).
5915 **chacineiro** *s.m.* Persoa que fai chacina. (ERG).
5916 **achacinar** *v.* Ver CHACINAR /5917. (ERG).
5917 **chacinar** *v.* Facer chacina. (ERG).

6.6.7.6. O curtido e o coiro

Na epígrafe 6.4.2.1. vímo-las voces, refráns, cantigas e adiviñas que teñen que ver co curtido e co coiro. Falemos agora con algo máis de detalle do coiro e da pel, que son importantes subprodutos do gando bovino.

É certo que na nosa documentación medieval se citan peles de cervo, de gamo, de lobo ou de besta; que ata a introdución do papel (a partir do século XI [962]), o material de escritura foi o pergamiño elaborado con pel de ovella, cabra ou becerro [963]; e que na época moderna, as molidas e as milfeiras seguíanse facendo con pel de lobo ou de can. Con todo iso, o curtido tradicional fíxose masivamente co coiro do gando bovino, non só pola súa abundancia senón tamén polo seu tamaño e calidade.

---

[954] ERG: *i o queixo*.
[955] ERG: *i o queixo*.
[956] No texto: *mais.*
[957] Llópiz: *lâ* (sen artigo pero cremos que é inadvertencia, porque tódolos outros substantivos teñen artigo), *gaánza dai*. Recólleo en Padrón (A Coruña) e explica que o queixo aínda sen purgar na prensa desmerece de calidade e prezo.
[958] Saco explica que *encella* é o *molde en que se hacen los quesos, y no figura en nuestros diccionarios; lo suponemos importado, con el refrán, del castellano*, e ofrece o equivalente castelán: *Quien vende la lana en la oveja, y el queso en la encella, y el pan antes de agosto, y el vino en uva o mosto, él pierde y medra el otro* (R. Marín). Non atina Vázquez Saco ó dicir que non figuraba no tempo del nos dicionarios, porque xa aparecía no de Cuveiro (1876), no de Porto (1900 pero daquela inédito), no de Filgueira (1926) e no de Eladio Rodríguez que certamente Vázquez Saco utilizou, polo menos, en manuscrito.
[959] ERG: *i o trigo*.
[960] ERG: *i o centeo*.
[961] Capela.:134. No texto: *as queixos* (sic).
[962] En Galicia o papel empeza a ser frecuente nos documentos do século XIV.
[963] Posteriormente o pergamiño reservouse para documentos de especial significación (reais ou papais) pero sobre todo para a encadernación de libros (ata fins do século XVIII). Hoxe só se utiliza para premios especialmente relevantes ou para pantallas de lámpadas.

6.6.7.6.1. O curtido da pel para fabricar coiro

Pantalón de pel de ovella,
chaleco de pel de boi,
gorra blanca na cabeza
é o estilo de Caroi. [964]

A pel de boi, de vaca e de becerro forneceu en todo tempo utensilios tan imprescindibles para o home coma o calzado, as polainas, cintos, chaleques, chaquetas (antigamente as coirazas e os escudos dos soldados) pero tamén os timoeiros, as piallas, a casula ou cedoiro que une o pértego coa mangueira do mallo, as cabezadas e arreos dos cabalos; as poleas que tanto demanda a revolución industrial; as maletas, os bolsos, o tapizado dos sillóns e dos primeiros coches (e hoxe dos coches de luxo) [965]. As utilidades actuais xa case non teñen límite.

Aínda sendo o coiro un material tan indispensable e o curtido unha fonte de plusvalías, a profesión de curtidor foi (ata a chegada dos curtidos modernos) unha das de máis baixa consideración social. A denominación de *zurradores, rascacoiros* ou *rañacoiros* é descritiva pero tamén algo despectiva. Véxase o que conta FS.

A pel do animal morto apodrece de seu. O curtido impídeo e ademais convértea en imputrescible. O axente básico é o tanino. E do tanino derivan as voces *tanoira* e *tenería.*

Para o curtido, ademais do pelico dos bovinos, precísase moita casca de carballo e moita auga. Como Galicia sempre tivo fartura de gando vacún, carballeiras e ríos, aquí desenvolveuse unha atomizada pero importante industria do curtido e secundariamente a profesión de zapateiro. E, tendo que localizarse os curtidoiros entre carballeiras e ríos, esta foi unha industria situada maiormente na Galicia interior, aínda que temos que contar cos de Viveiro, os dez da ría de Ferrol, os de Pontedeume, Betanzos, A Coruña e Noia...; tódalas cidades galegas tiveron esta industria.

6.6.7.6.2. Curtidoiros galegos

Cae fóra dos obxectivos desta monografía ofrecer un estudo exhaustivo da industria do curtido en Galicia. Para coñecer esa historia nos últimos tres séculos contamos cos traballos de especialistas en historia industrial, como Carmona Badía (CARMONA1, CARMONA3, CARMONA4) e Fernández Vázquez (MTFV). Véxase tamén MURO. A eles deberá dirixirse o lector interesado, porque aquí limitarémonos a unhas pinceladas.

En Galicia houbo de tempo inmemorial curtidoiros por todas partes: a toponimia urbana conserva inequívocos testemuños desta actividade: *Pelamios* en Santiago, Noia e Ourense [966], *Coiramia* na Coruña e *Tinería* en Lugo (véxase 15.2.11). Pero polo seu inevitable mal cheiro, o curtido tradicional é unha industria que tende a emprazarse na zona rural ou periurbana (ELT: 284).

Poñamos algúns casos concretos. En 1752 o Catastro de Ensenada constata na cidade da Coruña, polo menos, seis curtidoiros; e en Noia, nove (CGP 2003:180) [967]. Nunha época próxima a esa, Compostela tivo 27. A principios do século XIX (1804) a descrición que fai Lucas Labrada da economía de Galicia detecta pequenos e medianos curtidoiros por toda Galicia: hai 9 en Santiago de Compostela [968]; en Noia (JLL: 38); en Melide (JLL: 57); 10 na ría de Ferrol maiormente en Neda e Xubia (JLL: 24) [969], 3 en Betanzos (JLL: 26; AMP); hainos en Viveiro (JLL: 15), en Mondoñedo (JLL: 18), en Lugo e arredores (JLL: 87) [970], en Portomarín

[964] Lama2:52.

[965] Tamén se curte a pel de ovella, de cabra e mesmo de lobo e raposo (con pedralume e unha cantidade de sal). Coa de ovella facíanse os foles da fariña, os pandeiros. O viño transportouse e gardouse durante moito tempo en pelexos (lémbrese a aventura do Quixote). Coa pel de lobo facíanse para o gando as milfeiras e a molida. En certos casos no proceso de curtido non se lle tira o pelo á pel: así se fai cando despois se queren confeccionar guantes ou botas de viño. Os abrigos de raposo aínda hoxe son dos máis cotizados. En Ponte Caldelas houbo excepcionalmente algún caso de curtido de pel de porco.

[966] JLL (70) di que os curtidoiros de Ourense *no han podido progresar, tal vez por la mala calidad de las aguas.*

[967] *y por un oficio del juez desta villa se sabe que los más de los pueblos de aquella jurisdicción, y especialmente los vecinos de la parroquia del Obre, se dedican desde largo tiempo a los curtidos de cordován, suela y becerrillos, que trabajan por sí mismos y sin fábrica formal, pudiendo sólo llamarse tales dos que se hallan: la una establecida en el coto de San Bernardo, más ha de 60 años, en la cual se ocupan tres oficiales vizcaínos, además de sus dueños, y la otra en el puente de Traba* (JLL: 38).

[968] ELT (286) di que no XIX en Compostela aínda se constituíron 20 sociedades de curtidos.

[969] Para unha descrición das industrias do curtido na Ría de Ferrol nos séculos XVIII-XX véxase JFN e tamén ELT (284-287).

[970] JLL di que en conxunto os curtidoiros de Lugo producen de 8 a 9.000 pezas de sola e becerros, ademais de 5.100 cordobáns (pel de cabra).

(JLL: 92); hainos en Cea (JLL: 84), 8 en Allariz [971] (JLL: 83), en Xunqueira de Ambía (JLL: 83); hainos en Carril (JLL: 41), en Pontevedra (JLL: 44), en Lavadores (hoxe Vigo) (JLL: 61) e en Tui (JLL: 63).

E na primeira metade do século XX os obradoiros de curtido máis coñecidos de Galicia eran os de Santiago de Compostela [972], Noia, Melide [973], Padrón [974], Pontedeume (RNB:7-18) e Allariz; pero a atomización continuaba porque en 1945 aínda había 145 censados (CARMONA1:75-76) e nos anos 50 no pequeno espazo entre Ponte Caldelas e A Lama había cinco: un na Ponte, tres en Cuñas e outro á entrada da Lama.

Allariz conserva un dos seus curtidoiros convertido en museo do coiro [975]; pero deben quedar máis: Ponte Caldelas ten outros practicamente intactos.

Curtido e zapatería foron dende sempre un activo da balanza comercial de Galicia co resto da península ibérica. Concretamente, entre 1770 e 1970 en Galicia houbo varios centos de curtidoiros, aínda que a mediados do século XX constátase a introdución en Galicia de coiros foráneos [976]. Máis en diante explicaremos por qué estas dúas industrias radican hoxe maioritariamente fóra da nosa terra.

O curtido tradicional, que xa coñecían sumerios, exipcios e romanos, en Galicia chegou case intacto á primeira metade do século XX. É posible que esta industria fose impulsada polos frades na Idade Media [977] pero tamén sorprende nos séculos máis recentes a frecuente cita de *oficiales vizcaínos* nos curtidoiros galegos. Os curtidores estaban agrupados en *gremios*, que regulaban a actividade e sendo, en certa medida, un precedente das normas internacionais polas que hoxe se certifica a calidade do proceso das empresas máis solventes. Pero os gremios tamén protexían mercantilmente esta actividade que explica o despegue económico de certas vilas (Noia e Allariz entre outras), que complementa a economía de case tódalas cidades galegas (maiormente a de Santiago de Compostela) e que foi a única de pequenos núcleos rurais (Ponte Caldelas e A Lama, por poñer un caso entre moitos outros).

Os gremios de curtidores e zapateiros tiñan unha simboloxía propia: no cemiterio de Santa María en Noia encóntranse as lápidas nas que a única identificación do defunto é o símbolo do seu gremio: mandil, por veces coas tenaces (curtidores); e plantilla ou forma, por veces coa subela (zapateiros). Dese gremio non forman parte os carniceiros.

6.6.7.6.3. Proceso tradicional do curtido

Na documentación medieval e na de principio da época moderna encóntranse normas municipais que regulaban esta industria e que nos describen o proceso: así acontece cunhas Ordenanzas Generales de 1569 do Concello de Santiago que publicou Pérez Costanti [978]. Este concello en tempos medievais velaba para que non saísen coiros da cidade, porque os necesitaba para fabrica-lo calzado dos seus habitantes e tamén dos numerosos peregrinos que aquí chegaban co calzado escalazado.

---

[971] Eran 6 fábricas, 4 de sola e 2 de becerro e nos arrabaldes había outras dúas máis (JLL: 83).

[972] Unha das últimas en desaparecer foi a de Pontesarela, no Carme de Abaixo.

[973] O curtidoiro de Furelos (Melide) estaba á beira do río Furelos, afluente do Ulla, e traballou entre 1817 e 1965 fabricando solas e curtindo o coiro polo sistema antigo: recentemente estaba en venda para casa de turismo rural.


[974] O máis coñecido estaba na Matanza.

[975] Refirímonos á fábrica de curtidos da Familia Nogueiras. JLL di que a principios do século XIX producían aí un ano con outro 3.000 coiros de sola e 6.000 de pel. Engade que Allariz calzaba toda a xente *que se halla diez leguas al contorno.*

[976] Xa en 1201 entraron polo porto de Baiona coiros franceses e tamén saían nesa dirección coiros galegos. Vese que sempre nos foi difícil darlle ós produtos básicos a elaboración que xera as maiores plusvalías. Lucas Labrada, por exemplo, lamenta a principios do século XIX que nas terras de Montederramo e de Caldelas mandasen a la a tinguir a Valladolid e os pelicos a curtir a Portugal. *También podrían sacar mucha utilidad del establecimiento de tenerías de curtidos por la abundancia que hay de roble, y el mucho ganado de que llevan los portugueses una buena parte y luego vienen a venderles la suela a buen precio* (JLL: 81). Pero tamén hai que recoñecer que o mesmo autor informa de que nos cortidoiros de Betanzos curtíanse pelicos que viñan de Buenos Aires.

[977] Nesa época, na que por toda Europa se constrúen muíños hidráulicos, é posible que os frades bieitos impulsasen tamén o traballo artesanal do curtido, porque xa no século XIV zapateiros e curtidores de Noia formaban o gremio de San Martiño, e eles foron os impulsores do culto deste santo.

[978] *De la manera que se an de cortir los cueros y que tienpo an de estar y no saquen ni laben de otra manera. -Por quanto muchas vezes se a allado y visto en esta ciudad que algunos çapateros y cortidores de cueros de bois y bacas y otro ganado bacuno y de cueros de cordobán y badanas, no los curten bien y les sacan del curtimiento sin saçón y crudos para luego azer calçados dellos lo qual y la obra que dellos azen ninguna cosa valen y es engañar las gentes; y por hebitar semejante fraude y engaño, ordenaron y mandaron que de aquí en adelante ningun çapatero ni curtidor sea osado de cortir los dhos cueros sino de la forma siguiente: que en el pelambre en que pelaren los dichos cueros no los buelban a echar en el agua despues de pelados donde los pelaren, sino que alimpien bien el pelambre y despues le echen su agua limpia y su cal fresco y después de bien revuelto echen allí los cueros y cada tercero día los rebuelvan y despues de rebueltos dos o tres veces les vayan echar mas cal fresco asta ser pelanbrados y después los echen en una poca agua fresca y limpia y los agan labar de la cal dándole cinco o seis manos ansi de flor como de carnaz asta ser muy bien labados y despues los echen en las cubas donde los an de goldrar (agitar) y antes laben las dhas cubas de la subciedad*



Coireiros (c. 1900).


O proceso do curtido tradicional [979] dura varios meses e, como precisa moita auga, estas industrias estaban sempre á beira dun río ou regueiro.

O curtidor merca os pelicos ós tratantes, que os traen salgados ou secos ó sol, e o primeiro proceso e metelos en auga para lle quita-lo sal; despois o curtidor pásaos a uns píos, chamados *pelamios* que teñen auga con cal: o cal abre os poros da pel e isto facilita a caída do pelo e a posterior entrada do tanino; pasado certo tempo levántanse os pelicos e colócanse nunha táboa para ilos raspando cunhas coitelas e así acabarlles de quita-lo pelo (*pelado*). Xa sen pelo, a pel pasa a augas limpas varios días. Posteriormente os pelicos pasan a outros pozos nos que hai *canina* (excremento de can, que parece se-lo máis forte, aínda que tamén se utilizaba o excremento de pita ou de pomba); a canina fai incha-la pel. Pasadas dúas ou tres semanas ízase o pelico e con outra coitela ráspaselle a *flor* da pel (a parte exterior) e despois ráspaselle a *carnaza* (restos de carne da parte interior do pelico); a este proceso chámaselle *labrado*. A pel vai pasando sucesivamente duns pozos de auga limpa a outros. Despois empeza o verdadeiro curtido. Móese casca de carballo ben seca e así, acabada de moer, esténdese nun pozo e entre capas de casca métense as peles de quince días a un mes, sempre coa flor para riba; nesta fase fanse varios *levantes* que se aproveitan para remexe-la casca. Para saber se o tanino penetrou a fondo dáselle un corte á pel nunha beira e mírase a sección. O traballo da encasca faise ou na primavera ou en agosto, que é cando a casca solta mellor o tanino pero ten que chegar ó curtidoiro

que tubieren, por manera que saquen toda la subciedad y casca y agua que dentro estuviere que no quede en ella ninguna cosa, y echo esto los echen en el agua que sacaren o en otra agua fresca y en casca fresca y bien molida y que sea de aquel día o un día antes molido y que aquel día que los echaren los goldren bien goldrados con sus palos y esto echo los echen en sus pilos con casca fresca que sea molida de un día o dos quanto mas porque si es de mas días molida ningun provecho aze al cuero antes lo daña; y se a de echar entre cuero y cuero dos dedos de alto de casca y aziéndose desta manera estén los dhos cueros en ynbierno de primera casca tres meses y pasados los tres meses los descubrir y echarles casca fresca de la manera que dha es; y en verano estén dos meses de primera casca y uno de rrecasca y se les eche en la rrecasca la quantidad de casca fresca segun dho es; y que ninguno sea osado de sacar de ningun pilo ni otro cortimento ninguno de los dhos cueros sin que primeramente llame a los vedores que por la dha Justicia y Regidores están o fueren nombrados de aquí adelante para ver la obra de la çapatería si es falsa o buena, para que vean los dhos cueros si estan curtidos en la forma y manera de que de suso se aze mención, y allándolos tales que se puedan labrar, les dén licencia para que se puedan sacar del tal cortimiento, y labarlos y los sellen con su marca y sellos los que ansi allaren buenos y los que de otra manera sacaren y labaren los pierdan del todo y sea la tercia parte para los tales vedores que en ello entendieren y la otra tercia parte para el Allde que lo juzgare y mas dé seiscientos maravedís y seis días de cárcel a los tales que fueren contra esta hordenança (PPC:117-118).

[979] Pódese ver unha magnífica descrición en XLF (550-558) e tamén na unidade didáctica publicada polo Museo do Coiro de Allariz (http://www.allariz.com/datos/Unidade_Didactica_-_O_Coiro.pdf [25.10.2009]).

perfectamente seca e aínda nel está nun entarimbado sen contacto coa terra e ben ventilada. Xa curtida a pel, prénsase para que se abatane e quede ben lisa e, para lustrala, dáselle saín cun hichope de tiras de la ou de xerseis vellos (parecido a unha fregona actual); o mellor saín é o de balea pero utilízase tamén o de sardiña ou o doutros peixes.



Ferramentas do curtido tradicional (Xaquín Lorenzo: *Historia de Galiza*) (XLF:551).

Cuevillas nos derradeiros anos de existencia dos carros escribiu unha elexía do carro na que insería estas liñas:

> *Eu téñovos ouvido na noite, cando carrexabades o pan prás eiras, ou cando viñades da serra a levar a casca prás pías dos curtidores de Allariz* (FLC:5).

É interesante observa-lo continuo reciclado que practicaba esta industria tradicional.

> *A graxa da carnaza deixabámola apodrecer durante moito tempo e despois ferviámola e, ó evaporarse a auga, quedaba un pegamento, que, se o mesturabas co cal, dáballe ó cal unha adherencia moi alta para pinta-las paredes, impedindo que se manchase a persoa que se arrimase á parede. A casca que botara meses metida nos píos soltando o tanino reutilizábase despois como fertilizante e daba un millo moi bo. Os carballos que se botaban abaixo para o curtido a xente tíñaos máis controlados ca hoxe: a casca era para o curtidoiro, a madeira para os carros e para o lume, pero arrincábanse tamén os couces coas raíces e deixábase o burato a airear varios meses de e aí plantábase sempre outro carballo no minguante de xaneiro* (Ctel19).

Un curtidoiro tradicional ten dous pisos: no baixo os píos, no sobrado o secadeiro das peles e nun dos dous a moa de moe-la casca.

6.6.7.6.4. O caso concreto dos curtidoiros composteláns

A industria do curtido en Compostela foi moi importante e coñecémola, primeiro, polos datos que, como diximos, exhumou o arquiveiro Pérez Costanti pero hoxe dispoñemos dunha monografía específica realizada por Carmona Badía e Fernández Vázquez (CARMONA3). En Santiago hai un barrio que conserva o nome d'*Os Pelamios*. A constancia documental no arquivo do concello xa existe dende 1503: nela dise que *causaban mucho fedor*, porque as augas que utilizaban servían despois para rega-las hortas e mesmo había queixas de que

> *los pelos de los bois e de los otros animales que morían de suyo o de rabia o de pestilencia, se hallaban pegados en las coles e verças e rábanos e en todas las otras hortalizas de lo qual se seguian muchas dolencias y enfermedades y muertes e pestilencias* (PPC:117).

Pero non é o único: a documentación do concello fala doutros curtidoiros nas proximidades da Porta do Camiño [980]. Un informe municipal de 1834 afirma que en tempos (sen precisa-la data) Compostela tivera nos arrabaldes da cidade 27 fábricas de curtidos, con 10 empregados de media que sostiñan unhas 270 familias; que curtían por ano 50.000 coiros indios, 26.000 do país para sola e uns 70.000 para becerros (finos, entrefinos e gordos) e aínda así non daban abastecido o mercado galego das Castelas e de Andalucía e por iso había outras infinitas industrias deste tipo por Galicia adiante; pero o mesmo informe constata que nesa data (1834) a proliferación de industrias e unha crise de mercado conseguiran desregular oferta e demanda, arruinando o negocio: en Compostela só sobrevivían 16 industrias con 75 empregados e xornais baixos, curtindo uns 8.810 coiros de sola india, 3.450 para sola do país e 11.400 becerros: baixara a produción e baixara a produtividade, aínda que en becerros finos (supoñemos que peles) Compostela conseguía elaborar os de mellor calidade do mercado (*en términos que ninguna nación puede sacar ventaja en la calidad*).

As ferramentas empregadas naquela industria artesanal eran o coitelo de pelar, o de descarnar, o gancho de erguer (moi parecido ó que se utiliza para coce-lo polbo), o coitelo de aprimar, a táboa de pelar, a prancha de calcar, o mazadoiro, a táboa de aprimar, o alicate e as pías ou píos ou pelamios. Os curtidores usaban mandil, calzado e polainas todo de coiro.

6.6.7.6.5. Crise e última reactivación do curtido tradicional

Como diximos, esta industria máis ou menos artesanal floreceu por toda Galicia ata mediados do século XX. Pero a crise xa a arrastraba dende atrás. Non debían ser moi altas as plusvalías se en 1804 JLL referíndose a Viveiro falaba expresamente da baixa consideración social deste oficio insano e fedorento [981]. Pero a mediados do XIX, cando Galicia curtía o 31% do coiro español e A Coruña era a primeira provincia curtidora de España (CARMONA1:71-72), noutras latitudes introducíronse dúas transcendentais innovacións técnicas, unha física e outra química.

A física é a substitución en 1850 dos milenarios píos por bombos que move unha máquina de vapor (cousa que facilita que os elementos curtintes penetren na pel con maior homoxeneidade) e a introdución de máquinas para prensar e bate-la pel.

---

[980] O Libro de Consistorios de Compostela de 1502-1514 no folio 41v. di o seguinte: *Que ningun pelamio ni poça ni tenería estoviere en la dicha cibdad, y las personas que los tienen, en todo el mes de Junio saquen los dichos pelamios y los pongan fuera en lugar que no faga perjuizio e de manera que del agoa que dellos saliere no se pueda regar horta ni hortaliza alguna, y el que no lo saque, caya e incurra en pena de diez mil maravedís... Y el dicho término pasado, que ninguno sea osado de tener pelámio dentro de la dicha cibdad ni alrededor della ...*
Que se pongan puertas a los pelamios que están en la Puerta del Camino para que estén cerrados, e que quando algunos estovieren lavando o meciendo los cueros o faciendo otro oficio o labra en ellos, que las puertas de los dichos pelamios estén encaxadas y cerradas de suerte que no puedan ser vistos los onbres que dentro estuvieren por los que de fuera pasaren por quanto la dicha Puerta del Camino es la mas principal por donde la mas gente suele entrar en esta cibdad (PPC:117).

[981] *La de curtidos* [en Viveiro] *es otra fábrica, de cuya existencia casi pudiera dudarse, porque apenas subsisten de ella más que las tenerías, y un corto número de cuatro o cinco vecinos que las mantienen, y se dedican a este necesario ejercicio. En su decadencia han influido a un mismo tiempo una causa moral y otra física: aquella consiste en la vulgar preocupación con que reconoce la plebe en sus individuos una especie de vileza, que a pesar de las contrarias providencias del Gobierno, no sólo retrae a los que no descienden de curtidores, con quienes evitan enlazarse, sino aun a los mismos descendientes de ellos, que enriquecidos con las utilidades que han sacado sus mayores de esta manufactura, huyen de continuarla, y hacen los mayores esfuerzos para borrar hasta su memoria por no verse despreciados. Tal es el asombroso y nocivo ascendiente que ha tomado una idea fanática y perjudicial al bien de la sociedad. Más aunque no son fáciles de rectificar las impresiones violentas de una errada educación, será no obstante aún más difícil el remover la causa física que no deja arbitrio el curtido; pues siendo indispensable la corteza oportuna para ello, los robles, únicos árboles que la suministran en este país, han desaparecido de él enteramente: y aunque en las Dehesas reales existen algunos, ni por nuevos pueden producirla, ni aún cuando lo hicieran se atreverían a ellos: porque las rigurosas penas y prohibiciones les ponen a seguro de toda invasión. El resto de montes comunes y particulares sólo producen esquilmos, tojo y leña de esta clase* (JLL: 15).

A innovación química é a substitución en 1870 da casca que ten tanino por extracto de tanino (de castiñeiro ou de zumaque) e a utilización dende 1884 de novos elementos químicos, como as sales trivalentes de cromo.

Estas dúas innovacións reduciron radicalmente o tempo de curtido e abarataron os custos. O resultado visible foi unha revolución no mercado español en detrimento da industria galega. O menos visible é que fronte ó curtido tradicional estableceron unha fenda técnica: o curtido converteuse nunha industria que esixe mecánicos especializados e laboratorios químicos. Mentres o curtidoiro tradicional dependía dos carros de casca que traían os veciños; o curtidoiro moderno depende dunha industria química (mesmo estranxeira) que lle fornece os extractos químicos que teñen pouco volume e que agora poden vir do estranxeiro. A localización da fábrica xa depende doutros factores. E un curtidoiro require unha dirección técnica moito máis especializada. É outro mundo.

Máis aínda. A aparición do ferrocarril, que permitiu vender gando galego en Barcelona, tivo a contrapartida de deixar alá sen custo engadido, a materia prima para esa renovada industria do curtido. Naturalmente a isto hai que engadir que a navegación a vapor fixo chegar ó levante español pel procedente de América.

A maior parte dos curtidoiros galegos seguiron funcionando cos métodos do curtido tradicional alimentando os zapateiros galegos [982] pero, aínda que vendían coiro para fóra, mesmo nas feiras [983], perderon a súa posición no mercado español: se en 1856 representaban o 27% das cotas pagadas por curtido en España, en 1900 xa baixara ó 14%. As innovacións nunca chegaron ou chegaron tarde a Galicia: os primeiros bombos xiratorios instaláronse en 1908 en Padrón, na fábrica da Matanza, e despois nalgúns outros da provincia de Pontevedra e en Noia e Lugo; pero aínda en 1945 só 10 dos 145 curtidoiros utilizaban os métodos químicos e nas publicacións técnicas falábase de *curtición gallega* e de *curtición lenta* como sinónimas (CARMONA1:75). É mesmo sintomático que a industria do calzado español acabase sendo claramente mediterránea e que os curtidoiros galegos chegasen a estar obrigados a forneceren unha determinada cantidade de coiro á fábrica castellonense de Segarra, creada en 1913 en Vall d'Uixó, e que fabricaba en exclusiva o calzado do exército español [984].

Houbo un período de reactivación dos curtidoiros tradicionais galegos (con paralización parcial dos curtidoiros cataláns) durante a guerra e a posguerra (entre 1936-1959) debido a que as importacións de pel e de extractos estiveron bloqueadas. Allariz e Noia resistiron case ata 1970. Santiago e Betanzos pecharon antes porque vendían, fundamentalmente sola a comerciantes de Sevilla, Madrid e diversos lugares de Castela, mentres que Allariz e Noia tiñan na rede galega de zapateiros artesanais un mercado galego que lles permitiu manterse activos máis tempo (CARMONA1:76).

Os avances producidos nos últimos cen anos en canto a rapidez, hixiene e automatización do proceso de curtido parecen irreversibles. Das industrias galegas de curtidos, que xa traballan coa máis moderna tecnoloxía e fabrican en acabado final máis de 50 produtos, destaca Picusa (Padronesa Industrial de Curtidos), radicada en Padrón e que traballa basicamente con pel de tenreira.

Con todo, en datos de 2007 Galicia exportaba peles, coiros e manufacturas destes produtos por valor de 84,4 millóns de euros pero importaba por valor de 61,8 [985].

6.6.7.6.6. O curtido da pel para fabricar pergamiño

Aínda que o uso actual do pergamiño é absolutamente residual, non foi así sempre. O pergamiño, como material de escritura, foi inventado en Pergamo no século II a.C., cando os exipcios bloquearon o mercado do papiro de orixe vexetal. Aínda así, o pergamiño non deu desprazado do mercado o papiro ata o século V d.C, porque o facía moi caro tanto a súa orixe animal coma o seu custoso proceso de elaboración. Pero dende o século V ata o XII, en que os árabes traen o papel (outra vez de orixe vexetal), o pergamiño foi un produto indispensable, xa que practicamente era o único material básico para escribir. En Galicia o papel empeza a usarse no século XIV [986] e dende a fin do século XV o uso do pergamiño empeza a ser

[982] Seguiu habendo incluso zapateiros que tiñan uns poucos píos para uso persoal, é dicir, que eran curtidores-zapateiros.

[983] Lémbrese o relato de Castelao (*Manter un animal para comelo*) no que dous bois, que sempre traballaron xuntos e se ven separados para iren ó matadoiro, despídense un do outro *ata a feira de Soutomaior* na que había venda de coiros (10.4.)

[984] En xaneiro de 2008 esta empresa entrou tamén en crise incapaz de competir cos xigantes asiáticos.

[985] *IGE: Galicia en cifras. Anuario 2007*; p. 175-176.

[986] O manuscrito dos *Miragres de Santiago,* redactado entre o XIV e o XV, xa está en papel.

minoritario por ser máis caro [987] e pódese dicir que dende mediados do XVI só excepcionalmente se usa o pergamiño para redactar documentos.

Non coñecemos datos que nos aseguren que algunha vez se fabricou pergamiño en Galicia pero é de supoñer que, no período referido e tratándose dun produto tan necesario, os escribáns e os *scriptoria* monásticos de Galicia non dependesen totalmente da importación. É máis verosímil que, maiormente nos mosteiros, houbese persoas sabedoras da técnica de elaboración deste material de escritura. E, tendo en conta que o gando bovino estaba aquí, se cadra, algún día aparecen indicios de exportación de pergamiños dende Galicia.

O proceso de elaboración do pergamiño era semellante ó que describimos para o coiro, coa particularidade de que neste caso estirábase a pel nun bastidor para alinea-las frebas de coláxeno e tamén a lixaban con pedra pómez para iguala-lo tacto do lado da carne co tacto do lado do pelo. A brancura do pergamiño é maior canto máis noviño era o animal. Os pergamiños máis escuros e máis grosos utilizábanse para encadernar.

Os especialistas din que, na época de uso masivo do pergamiño, nos países mediterráneos usábanse preferentemente pergamiños de pel ovina e caprina pero que Inglaterra e Irlanda preferían a pel bovina, pola abundancia destes animais e polo tamaño do pergamiño resultante. Pola mesma razón é verosímil que Galicia tamén preferise o pergamiño bovino.

6.6.7.6.7. Unha palabriña verbo dos zapateiros e zoqueiros

Das moitas utilizacións do coiro xa curtido e elaborado, unha é a das pezas que serven para xungui-lo animal e para uni-lo xugo á cabezalla e diso falaremos en 9.4.

Outra, que xa se afasta do tema desta monografía pero que ten unha enorme importancia social é a do calzado. A vaca calzou o ser humano durante varios milenios e as profesións de zapateiro e zoqueiro dependían e seguen dependendo estreitamente da existencia de pel curtida de bovino. Diso diremos só dúas cousas. Primeira, que a sola do calzado procede de bois e vacas vellas, a máis gorda do lombo alto; que a pel fina procede dos becerros e becerras; e que, como é natural, a sola era de curtición máis lenta cá pel, precisando aquela un mínimo de tres meses, aínda que no verán coa calor curtía algo antes. Segunda, que os zapateiros tradicionais eran *de obradoiro* (taller fixo) ou *de portal* (ambulantes). Os zapateiros de portal de Noia percorrían boa parte de Galicia e n'*As Aventuras de Alberte Quiñoi* dáse fe de que chegaban ás terras do concello da Estrada.

> *-'¡Solar sapaaatooos!' Así cantaba o zapateiro Lucas polas corredoiras da aldea [...] Era un homiño case en todo (...). Era dos lexítimos de Noia, e soía pasar todas as primaveras (...), dende facía anos* (GB2:110).

Pero ata o último cuarto do século XX en ningunha feira galega faltaban zapateiros e zoqueiros ofrecendo as súas manufacturas feitas con patróns fixos ou á medida do pé do cliente. Tódolos nacidos nos anos corenta do século pasado estreamos zapatos ou zocos feitos á medida dos nosos pés, algo que hoxe é inimaxinable para a maioría da xente.

O vocabulario do coiro xa o vimos en 6.4.2. Vexamos agora o léxico que designa a operación de curtir, o lugar no que se realiza, o propio curtidor ou o que o pon no mercado.

5918 **atanado** *s.m.* Curtidoiro. Casca de carballo moída para curtir peles. (LCA1).

5919 **becerreiro 2** *s.m.* Tratante en peles curtidas, chamadas *becerros*. (ERG).

5920 **canina** *s.f.* Excremento de can, de pita ou de pombas que se bota na auga dun pío na que se meten os coiros. A canina ten ácido láctico que, ó combinar co cal que levan os coiros, forma lactato de cal, e deixa limpos os pelicos. A canina mercábaselle a mulleres que se adicaban á recoller nos galiñeiros, nos pombais e polas rúas. As peles están na canina de quince días no verán a un mes non inverno, xa que a calor, en xeral, favorece tódolos procesos do curtido. (CdG, ERQ3, Ctel19).

5921 **carnaxe** *s.f.* Parte interior da pel dos animais, da que no proceso de curtido hai que quitar por raspado os restos de carne e graxa (Xunqueira de Ambía). (CdG).

5922 **carnaz** *s.f.* Parte interior, carnosa e graxenta,

[987] Precisamente o elevado prezo é o que explica que na Idade Media se raspasen os pergamiños que contiñan escritos que xa non interesaban para poder volver escribir neles outra cousa. Desapareceron así para sempre moitos textos do principio da Idade Media. Os novos escritos chámanse *palimpsestos* (literalmente "re-escritos").

adherida á pel dos animais e que lles hai que quitar antes de curtilos. (Ctel19).

5923 **coiracheiro** *s.m.* Ver COIREIRO /5925. *Con ben tempo por diante, chegaban polos lugares da paróquea* [sic] *os coiracheiros a apalabrar os coiros; chegado o intre da matanza, viñan por eles e pagábanos, ben a ollo, ben a tanto a libra* (GB2:147). (ERG, GB2).

5924 **coiramia** *s.f.* Lugar onde se curten os coiros. (ERG).

5925 **coireiro** *s.m.* Tratante de coiros, persoa que curte e vende coiros. (CP, ERG, JMP).

5926 **cortideiro** *s.m.* Ver CURTIDOIRO /5935. (ERG).

5927 **cortidoiro** *s.m.* Ver CURTIDOIRO /5935. (ERG).

5928 **cortidor** *s.m.* Ver CURTIDOR /5936. (ERG).

5929 **cortidoría** *s.f.* Ver CURTIDOIRO /5935. (ERG).

5930 **cortidura** *s.f.* Ver CURTIMENTO /5937. (ERG).

5931 **cortiduría** *s.f.* Ver CURTIDOIRO /5935. (ERG).

5932 **cortimento** *s.m.* Ver CURTIMENTO /5937. (ERG).

5933 **cortume** *s.m.* Ver CURTIMENTO /5937. (ERG).

5934 **curtideiro 1** *s.m.* Curtidoiro, lugar no que se curten as peles. (ERG).

5935 **curtidoiro** *s.m.* Lugar onde se curten os coiros. (ERG, XER).

5936 **curtidor** *s.m.* Persoa que curte os coiros. (ERG, XER).

5937 **curtimento** *s.m.* Acción e efecto de curti-los coiros. (ERG, XER).

5938 **flor** *s.f.* Cara da pel do animal na que está (ou estivo) o pelo e que normalmente se usa como exterior despois de curtida. (Ctel19).

5939 **fror** *s.f.* Cara da pel do animal na que está (ou estivo) o pelo e que normalmente se usa como exterior despois de curtida. (CdG).

5940 **goldra 1** *s.f.* Líquido que se empregaba para curti-las peles, é dicir, para goldralas. "Evidentemente *goldra* é algo suxo e de aí que chamemos *goldra* a unha persoa chea de sucidade. ¿De onde procede esta voz? A *goldra* foi antigamente o líquido que se empregaba para curti-las peles, é dicir, para goldralas. Aínda nalgúns lugares de Galicia chaman ós que goldran as peles *goldreiros* ou *curtidores*. *Goldrar* ten a súa orixe na voz latina COLORARE que pasou a usarse para tinxir peles. Probablemente este sistema de COLORARE peles debeu de nacer en Francia, onde esta verba pasou a ser *coldrer* e de aí pasou ó galego converténdose en *goldrar*" (CGG2:238). Con todo véxase a continuación o significado que PPC lle dá á voz *goldrar*. (CGG2).

5941 **goldreiro** *s.m.* Obreiro que traballa no curtido de coiros. (CGG2, ERG, XLFG).

5942 **goldrón** *s.m.* Ver CURTIDOR /5936. (ERG).

5943 **goldros** *s.m.pl.* Residuos que, nas tinallas de pedra onde se curten os coiros, deixa a casca de carballo ou aciñeira que se mestura con auga para que os coiros absorban o tanino. ERG localízao en Allariz. (CGG2, ERG, XLFG).

5944 **lagaíñas** *s.f. Ú. m. en pl.* Casa ou edificio onde se curtían as pelicas. Para ERG parece voz xa arcaica. (ERG).

5945 **pelamios** *s.m.pl.* Lugar onde en tempos metían os pelexos en auga e cal viva para tirarlle o pelo. "En las principales ciudades gallegas, como Santiago, Coruña, Pontevedra y otras, hubo *pelamios*, a los que sucedieron las actuales fábricas de curtidos, merced a sucesivos perfeccionamientos. Aun hoy se conservan en Galicia los nombres de *Pelamios*, que correspondían a barrios de mucho *fedor*, según ya se decía en los comienzos del siglo XVI". (ERG).

5946 **peleteiro** *s.m.* Persoa que comercia co coiro do gando sacrificado. ERG especifica "que trabaja con pieles finas y las vende". (Teno2).

5947 **pelexeiro** *s.m.* Peleteiro. (Com1).

5948 **peliqueiro 1** *s.m.* Peleteiro. (Pantón).

5949 **peliqueiro 2** *s.m.* Construción alta e ventilada na que se secan ou curan as peles. (ERG).

5950 **pío 1** *s.m.* Pozo, normalmente cadrado, e de metro e medio de fondo no que se meten as peles para curtilas. (Ctel19).

5951 **rañacoiros** *s.comp.m. desp.* Persoa que se fixo rica co curtido de coiros. É algo despectiva. (ERG).

5952 **rascacoiros** *s.comp.m.* Persoa que se fixo rica co curtido de coiros. É algo despectiva. (ERG).

5953 **recasca** *s.f.* Acción de mudarlle a casca vella as pelas que están no pío a curtir e poñerlle casca nova. O concello de Santiago acordou en 1569 que os coiros *en verán estean dous meses de primeira casca e un de recasca, e bóteselles en recasca a cantidade de casca fresca, segundo o dito*. (ERG).

5954 **tanoira** *s.f.* Sitio onde se curten e traballan os coiros. (ERG).

5955 **vacariza 1** *s.f.* Lugar onde se curten os coiros. Véxase VACARIZ /5565. XFV2 é o primeiro en anotar esta forma, que despois repiten outros: LCA1, LF, CP e ERG (este con reservas). (CP, ERG, LCA1, LF, XFV2).

5956 **zurrador** *s.m.* Curtidor. (FS,JMP).

5957 **curtideiro 2** *adx.* [Substancia] que curte as peles. (ERG).

5958 **goldrente** *adx.* [Materia] que serve para curtir. (ERG, XLFG).

5959 **adubar 1** *v.* Curti-la pel [dos animais sacrificados]. (ERG).

5960 **cortir** *v.* Ver CURTIR 1 /5962. (ERG).

5961 **curar 2** *v.* Curtir [os coiros]. (Car., Ced., Com1,

ERG, Feás-A, Gud., Mra., Ram., SComba, Sob., Xun.).

5962 **curtir 1** *v.* Preparar [peles ou coiros] para conservalos. (ERG, XER).

5963 **goldrar** *v.* Adobar [as peles] para que lles caia o pelo. PPC tradúceo como *agitar*, é dicir, revolvelas cun pau. (ERG, PPC).

5964 **recascar** *v.* Volver botar casca moída de fresco entre as peles para que sigan o proceso de curtido no pío. (ERG).

5965 **zurrar** *v.* Curtir [as peles]. (ERG,FS).

5966 **zurriar** *v.* Ver ZURRAR /5965. (ERG).

Capítulo 7. REPRODUCIÓN

Capítulo 7. REPRODUCIÓN

7.1. Selección e mellora gandeira

A experiencia multisecular da gandería galega foi á súa maneira seleccionando uns tipos de razas que hoxe denominamos autóctonas, entre as que destaca a marela como a raza vacúa galega por excelencia. Aínda sendo certo que a marela non é a mellor raza posible, se atendemos a criterios de produtividade exclusivamente láctea ou exclusivamente cárnica, os gandeiros galegos cadran en afirmar que a marela é a que acada unha mellor calificación global: dá unha cantidade de leite apreciable e de moi boa calidade, dá boa carne e, por parte, é unha vaca robusta para tirar polo carro ou o arado.

> *A rubia galega obtida responde ós intereses que prevalecen no agro galego ata os anos setenta: ara, tira do carro, produce esterco, dá leite e cría xatos para a venda* (XRMF4:82).

Esta valoración popular, baseada na experiencia, é en Galicia case universal. As vacas frisoas dan máis leite pero, cando se poñían ó carro, non tiñan comparación coa marela e a carne tampouco se comparaba. Lembramos dous escritos que baixo formato literario expresan esta concepción. Un de Javier Prado Rodríguez [1], máis coñecido como Prado *Lameiro*, que era veterinario e que foi xefe do Servicio Provincial de Ganadería en Ourense na primeira metade do século XX. O outro é de Xosé Manuel Carballo Ferreiro, cura de Castro de Rei en Lugo [2]. Os dous fan un relato no que as vacas rubias se manifestan ante a chegada á corte dunha vaca frisoa.

O cambio de valoración en Galicia prodúcese no momento en que a tracción mecánica substitúe a tracción animal. A aparición do camión e do tractor (ou o chimpín, ese minitractor que se fixo tan popular en Galicia no último terzo do século XX) fai máis rápido e doado o transporte e mailo traballo; e o gando deixa de ser necesario para o carreto ou para turrar do arado. A forza animal pasa a ser unha característica irrelevante á hora de valorar unha vaca e carros e arados de pau convértense en pezas de museo ou obxectos decorativos de casas que xa non teñen agricultura, en xardíns privados e públicos, marchan a países nórdicos coa mesma finalidade ou, simplemente, apodrecen baixo a chuvia ou van parar ó lume.

Os cambios comezaran a producirse no inicio do século XX. A utilización do gando (machos ou femias) como animal tractor era un dos principais obxectivos da gandería. Para a produción de leite ou carne JRC3 ofrece en 1929 algúns datos significativos: a produción de leite de parto a parto estaba sendo de mil litros; e, falando da carne, anota que se está producindo un aumento da demanda da carne de tenreira en detrimento da carne de boi: daquela Galicia criaba para consumo de tenreira unhas 300.000 cabezas, das que 160.000 se consumían en Galicia e 140.000 se exportaban ós mercados do interior de España; rematado o ciclo de acarreo ou de produción de leite, aproveitábase a carne e tamén se exportaban para abasto 100.000 cabezas de animais adultos.

---

1 Véxase o relato "Mal negocio" (PL8) que reproducimos no capítulo 16. *A vaca na literatura*.

2 Véxase o relato "A Cuca" (XMC:24-32) que reproducimos no capítulo 16. *A vaca na literatura*.

Nesta época (fin do século XIX e principios do XX) os técnicos veterinarios xa alertan sobre a necesidade de fomenta-la mellora do gando en función da produción de carne. A vía máis rápida para conseguilo era a importación de sementais de razas sobranceiras e púxose en marcha. Pero esta importación tivo a consecuencia negativa da dexeneración da raza por hibridación, como xa se explicou en 2.2.1.1. *Raza marela ou rubia galega*. Ademais esa demanda abundante de carne facía que os mellores exemplares fosen ó matadoiro e os peores quedaban para producir leite e crías. Nese momento os veterinarios Rof Codina, Prado *Lameiro* e Gordón Ordás comezaron a defende-la opción contraria: abandona-las importacións e inicia-la selección dos mellores exemplares de raza galega.

A Suárez Casas débese o primeiro estudo en profundidade para a mellora do gando vacún galego [3], baseada tanto na selección da raza como en coida-la alimentación e as condicións hixiénicas do aloxamento. Propón mante-las tres aptitudes propias da nosa raza (carne, leite e traballo) combinando a selección de pureza a longo prazo cos cruzamentos mellorantes a curto prazo. Na Coruña créase a Granxa Agrícola-Experimental (1888), que potencia os cruzamentos coas razas Simmental e frisoa, cos que se consegue mellora-lo rendemento en canal e a produción de leite, e simultaneamente (1892) nacen os primeiros concursos de gando coa finalidade de premia-los mellores exemplares e, indirectamente, os gandeiros que aplicaban melloras nas súas explotacións, aínda que todavía non se estableceran criterios obxectivos de valoración [4]. Será en 1905 cando se celebre, tamén na Coruña, un certame que fixa a valoración por puntos, sistema que se empregará xa no futuro. Ó ano seguinte, en Lugo, celébrase o 1º *Concurso Regional de Ganado Vacuno del País*, no que se opta por conceder só premios ó gando rubio e diplomas ó gando estranxeiro ou mestizo. En 1908 foi importante o da Coruña (ASG). En 1913, no III Concurso Nacional de Ganado, celebrado en Madrid, concédense por vez primeira premios á raza rubia galega (aínda dividida en subraza da montaña e do val, a similitude da raza vacúa asturiana).

A razón de ser deste concursos era estimula-los gandeiros a que mantivesen vivos os mellores exemplares e a que non os destinasen a producir xa carne, senón á reprodución. Así escribirá Crespo Rivas en 1939:

> *Y no se olvide que se debe extirpar de raiz la costumbre cerril observada, en no pocas ocasiones, de vender las crías al mes de nacer, para morir enseguida o vivir languidamente por la senda de la tuberculosis. Da tirria también ver a las terneras y a las ya becerras camino del matadero, cuando tienen las mejores cualidades para vacas lecheras* (FCR:12).
>
> *Más útil será, sin duda, dejar consignado aquí, que si se sacrificara este ganado en la plenitud de su vida, y no antes, o cuando tuviera dos años de existencia, "otro gallo nos cantara", como se dice vulgarmente* (FCR:18).

En 1914 créase en Muras (Lugo) o Sindicato Agrícola que aspira

> *... a la mejora de la ganadería, a que nuestras reses alcancen su justo valor, a la celebración de concursos de ganados, a velar por la Higiene y Sanidad pecuaria de las reses que aquí explotamos, a evitar las plagas del campo, a adquirir abonos, semillas, sementales y maquinaria adecuada, a crear el seguro del ganado y establecer las mejoras que, dentro de nuestras fuerzas representen progreso y prestigio de la acción sindical* (Muras2).

Este de Muras é un dos diferentes exemplos de sindicalismo agrario que nesa época propiciaron diferentes forzas sociais, maiormente, o clero.

Rof Codina publica en 1916 a súa afamada monografía sobre a raza rubia e describe os seus parámetros zoométricos. Senta tamén as bases do estándar racial, que será establecido definitivamente en 1933 coa creación do libro xenealóxico da raza que, por fin, adquire a consideración oficial de raza propia.

Para entende-la evolución da raza rubia naqueles primeiros anos nos que se aplicaron os criterios de selección e mellora véxase no seguinte cadro a diferenza entre as medidas zoométricas de bois adultos (de 44 meses de idade) de 1913 e de 1958:

Parámetro	1913	1958
Idade	44 meses	44 meses
Alzada á cruz	134 cm	150 cm
Perímetro torácico	193 cm	229 cm
Peso vivo	603 kg	1.000 kg

▸ Fonte: Concurso Nacional de Ganado, Madrid, maio 1913;
XIV Concurso Provincial de Ganado de Lugo, setembro 1958. Véxase DC.

[3] *Soluciones para el mejoramiento de la raza bovina y riqueza agrícola industrial en la región noroeste de España*, traballo premiado na Exposición Rexional de Lugo de 1896.

[4] Na *Memoria acerca de la Exposición de Ganados celebrada en La Coruña los días 27,28 y 29 de agosto de 1892* recoñecíase que *O xurado, empregando prudente benignidade, outorgou os premios para estimular a os nosos campesiños para presentar seus ganados en futuros concursos* (DC:29).

Vexamos tamén este alegato de Prado *Lameiro* publicado en 1918 (PL2c):

Desque comenzou a loita europea o valor d'o gando foi de cote pra riba.

Endexamais s'acorda que a nosa gandería tivese tan outo valemento. Y esto que é un bén, poidese trocar o dia de mañá n-un mal môr se non lle pomos un freno á codícea.

Xa denantes d'a guerra era costume, e costume ruin, levar á feira aquiles animás mais xeitosos, quedándonos c'os mais ruís pr'á semente; agora, cegados pol-o grande valor que as nosas vaquiñas teñen, a costume aquela faise xa cuase lei, y-acurrirá moi logo que a cualidade d'o noso gando vacuno merecerá o disprecio de cantos nol-o veñen percurar.

Y-é que non somos industriás, porque si o foramos, fagueriamos o que fan os tendeiros, que percuran tirar fora d'a casa aquiles artigos que, por vellos, ou por dañados, sõ teñen fácele venda cando a necesidade obriga a adiquirilos.

Hoxe, c'o gallo d'a anorme demanda que hai, ben contadas serán aquelas cabezas que postas en feira non teñan dono, y-a bo preceo; mañán, cando istes tempos esceucionás pasen, xa será outra cousa bén deferente; quén tiver bo gando, ben venderá, y-o ruin ha ser, como foi denantes, dispreceado.

Temos que desprocatarnos, de que cando a razón se faga novamente dona d'o mundo, as cousas han varear moito; y-os pobos que sexan previsores toparán o pago.

Nunca com'agora temos ocaseón de por a nosa gandería en condiciós ventaxosas y-asegurar por moitos anos mercados pr'os nosos predutos animás, e pra consiguilo así, hamos faguer percisamente ó revés d'o que hoxe faguemos.

Aporveitando iste desbaraxuste, sirvíndonos d'esta necesidade qu'hoxe se fai sintir, debemos percurar o aumento d'o noso gando vacuno, xa que o seu valor non ha de desminuir por moitos anos, y-ó mesmo tempo coidar de qu'il sexa cada vez de millor caste, desfaguéndonos arestoras d'o mais ruín, pois ruín e todo págano ben, e deixando as millores pintas pr'á reproduceón, o mesmo en touros qu'en vacas, porqu'é unha burrada, que xa cuase ninguén crée, eso de que a calidade d'os pais non tén importanza pr'á bondade d'os fillos.

A esperencia tén ben demostrado que os dous principales médeos pra consiguir bos gandos son: escoller bos pais, e manter d'abondo e con igoaldade.

O problema gandeiro, pois, pol-o d'hoxe, está en que milloredes canto se poida os vosos prados pra qu'iles vos rendan moita e boa herba; que levedes á feira o gando ruín, quedándovos c'o millor pr'a produceón de novas cabezas, e que as que teñades coman canto percisen o mesmo de vrau que d'inverno, xa que eso de se atuar de comida unha parte d'o ano, e aunar cuase a traspaso n-o resto, non pode dar cousa boa de si.

Como a primeira opción (importar bos sementais) reportaba maiores beneficios, os gandeiros buscaron especializarse en producir leite e iso explica a difusión en Galicia en poucos decenios do gando frisón. A consecuencia foi que nos anos oitenta primou tanto a cría de vacas de leite que chegou a faltar carne en Galicia. É certo que a rubia dá leite con máis materia graxa pero, como o estándar oficial de venda ó público do leite gordo está no 3,2% de materia graxa (que a frisoa xa dá en por ela), tamén este plus de materia graxa no leite se valora menos. Aínda que a graxa se aproveita para facer manteiga, a realidade é que hoxe parece sobrar graxa, porque sobra manteiga e, ademais, esta graxa está relacionada co aumento do colesterol.

Canto á produción cárnica a marela presenta moi boas esperanzas. Tanto en termos de cantidade como de calidade, o verdadeiro futuro da vaca rubia está produción de carne, como o demostrou sobradamente o proxecto desenvolvido por *Ternera Gallega*. Tamén vai nesa liña o futuro esperanzador das outras razas autóctonas galegas.

Falando xa de vacas de leite, como a frisoa, a selección baséase no rendemento leiteiro, tanto en cantidade coma en calidade (porcentaxes de graxa e de proteína), que vén dado pola confluencia de factores xenéticos (características reprodutivas, resistencia ás enfermidades, conformación etc.) e de factores medioambientais (alimentación, idade no momento do parto, enfermidades etc.). En Galicia existe dende hai uns anos un *Programa de Mellora Gandeira* [5], dependente da Consellería do Medio Rural, que pretende mellora-la produtividade do gando vacún de leite a través do control leiteiro e do desenvolvemento dos recursos xenéticos [6].

---

[5] http://www.melloragandeira.com/index.asp [29.09.2009].

[6] O Control Leiteiro é unha das ferramentas básicas do *Programa de Mellora Gandeira de Galicia*. Consiste en rexistrar obxectiva e sistematicamente a produción e calidade do leite das vacas de raza frisoa das explotacións galegas que colaboran co Programa, co fin de estima-lo valor xenético da poboación. Utiliza criterios de tipo produtivo: lactación nos primeiros 305 días (rexeitando como *non válidas* as lactacións que non chegan a 240 días) e calidade do leite (porcentaxe de graxa, de proteína e de lactosa, así como

Ata agora, como vemos, a selección reparaba na feitura do animal (morfoloxía ou fenotipo) e na calidade dos pais que o procrearon (xenealoxía). Pero as últimas tendencias da selección buscan consegui-la clonación de animais vivos de características excepcionais baseándose na información xenética. No 2006 a empresa norteamericana Cyagra conseguiu clonar un touro de rodeo e con posterioridade esa empresa e outras avanzaron moito nesa liña. En maio de 2010 naceu o primeiro touro de lida clonado en España; foi en Palencia e chamáronlle Got [7].

Un paso fundamental para esa clonación é o descifrado do xenoma da vaca que a prensa daba como conseguido en abril de 2009 por un consorcio de 300 investigadores de vintecinco países: este consorcio aseguraba que o 83% dese xenoma coincide co humano (o do chimpancé coincide nun 98,5%).

As investigacións continúan neste terreo tan novidoso pero paralelamente a Unión Europea discute se a carne procedente da clonación resultaría segura para a alimentación ou se esa carne pode ter algunha alteración xenética que a curto ou longo prazo acabe afectando a saúde humana.

Como é natural, neste libro referirémonos exclusivamente á selección da gandería tradicional galega.

5967 **caste** *s.f.* Raza, conxunto de caracteres morfolóxicos e zootécnicos que poden herdarse de pais a fillos. *O gando todo marelo, de boa caste inda que pouco atendido* (ROP1:53) (Común).

5968 **arrazada** *adx.* [Vaca] recastada de vaca do país cun boi de raza selecta. (VLLM).

5969 **enrazar** *v.* Aumenta-las producións ou outras aptitudes [do gando] mediante cruces con razas mellorantes. (Dozón).

5970 **recastar** *v.* Cruzar [vacas] con sementais seleccionados, para mellora-la raza. Referido ó can alude só á impureza da raza (*palleiro*). Pero debe terse en conta que dende o ano 2000 o *can de palleiro* está morfoloxicamente definido como raza e esa denominación non é válida para calquera can híbrido. (Común).

A boa becerriña coñécese de noviña. (Curro) [8]
A boa vaquiña coñécese de noviña. (Curro) [9]
De becerro verás o boi que terás. (ERG:becerro; MC:89) [10]
De pequeniña verás a vaquiña que terás. (VLLM:1,140) [11]
De pequeniña verás qué vaquiña terás (VLLM:1,140)
De pequeniño verás o boi que terás. (VLLM:1,140)
De pequeniño verás qué boi terás. (UCA2:32; JASA:312; JASA2:358; JASA3:220; MVN:443; EAG:14; PdM:10; XFV:45; ZM:77; VS) [12]
De pequeno conocerás qué boi terás. (Camb1:47; Castre.)
De pequeno verás o boi que terás. (ERG:boi; VLLM:1,140; VS)
De pequeno verás qué boi terás. (VLLM:1,140; SPP:218; VS) [13]
De pequeno verás si bo boi terás. (Salc5)
De rapaz verás qué boi terás. (VS)

---

o reconto de células somáticas). Tamén utiliza criterios reprodutivos (número de inseminacións e intervalos entre inseminacións e entre partos). En 2004 participaban neste Programa un total de 4.595 explotacións gandeiras, con 178.658 reses (http://www.xunta.es/conselle/ag/coleite/index.htm [13.12.2009]). As actividades científicas do Programa de Mellora Gandeira realízanse no Centro de Recursos Xenéticos de Fontefiz (Coles, Ourense) e no Centro *Xenética Fontao* (Lugo), que é o maior centro de España en número de sementais en proba e un deles, *Mario Xacobeo*, foi calificado en 2008 como o número 1 de España. Posúe 250 sementais, de razas Holstein e Rubia Galega para produción leiteira e cárnica, respectivamente, ademais dun banco de seme de raza Pardo Alpina e das razas Morenas Galegas (http://mediorural.xunta.es/areas/gandaria/xenetica_fontao/ 13.12.2009).

7 As axencias atribúen este nome a que *got* significa "vaso" en catalán de Valencia e disque llo puxeron porque o pai se chamaba "Vasito"

8 No texto: *coñócese.*

9 No texto: *coñócese.*

10 No texto: *ó boi* (MC). Cajaraville escribe realmente *Do becerro...*, que corriximos por semellar un erro.

11 Recólleo de Parga Sanjurjo, *B.R.A.G.* IV.

12 JASA e EAG: *piquiniño*.

13 No texto: *boy* (SPP). Llópiz di que o recolle de Valladares e de Murguía pero, como vemos, Valladares dá outra forma: *De pequeniño verás qué boi terás*. Saco comenta que *las inclinaciones de las personas brotan ya desde los primeros años, y ya entonces han de empezar a enderezarse*, e ofrece as seguintes equivalencias: P.: *De pequeno verás que boi terás* (Chaves); E.: *De bueyecillo verás qué buey harás* (Sbarbi).

De xatiña verás a vaquiña que terás. (VLLM:1,140) [14]
De xatiño verás qué boi farás. (RCI:123)
De xato verás qué boi terás. (VLLM:1,140) [15]
O boi que terás, de tenreiro o verás. (ERG:boi)
A vaquiña e a muller pola caste ten que ser. (VLLM:1,132) [16]
Boi e muller, na túa terra débelos escoller. (VLLM:1,154) [17]
O boi e a muller da terriña ten que ser. (VLLM:1,157) [18]
O teu boi e a túa muller na terriña debes escoller. (VLLM:1,150) [19]
O touriño e a muller da terriña deben ser. (VLLM:1,154) [20]
Touriño e muller onde aches dos teus. (VLLM:1,154) [21]
Touro e muller da túa terra deben ser. (VLLM:1,154)
Compra clase e vende herba. (VS)
Compra raza e vende herba. (VS) [22]
Cuxos, os das túas vacas; fillos, os das túas bragas. (XMSH:172; ERG:cuxo) [23]
Fillos, das túas bragas; bois, das túas vacas. (XMSH:53; ERG:fillo; XMSM:37) [24]
O becerro, das miñas vacas; e o mancebo, das miñas bragas. (UCA2:51; ZM:163; VS) [25]
Gado de noviella e potro de yegua viella. (FBB:225) [26]
O mellor leitón, de porca vella; e o becerro, de vaca non vella. (Riós) [27]
Xatiño/xato de xovenca e poldriño de égoa vella. (VLLM:1,156) [28]
Xato de novella e potro de egua vella. (JASA:344) [29]
Nin vaca de moito ubre nin home de moito fume. (VS) [30]

---

14 Recólleo de V. Muñiz en Ferrol.

15 Recólleo de Ferreras, prof. vet. no Bierzo.

16 Llópiz recólleo en Toques (Melide) de E. Gallán.

17 Llópiz: *débeos* (que corriximos por ser errata á vista dos refs. paralelos); cadra co it. *Donne e buoi dei paesi tuoi*.

18 Llópiz explica que alude á necesidade de conserva-la raza bovina do país.

19 Llópiz: *muller; na terriña débes*; recólleo de J. Orjales (Ferrol 1912).

20 Llópiz explica este refrán pola necesidade de conserva-la raza bovina *do país* sen cruces. A opinión é válida desde o sistema minifundista no que a vaca tiña que ser polivalente (carne, traballo e leite) destacando por ese conxunto pero non por ningunha desas características separadamente e a raza que dá mellor nivel nese conxunto é, como se dixo, a raza marela. Pero esta valoración queda modificada ó implantarse a nova gandería especializada en carne ou en leite, xa que a vaca como animal de tiro perdeu case todo o seu valor. E o paralelismo que se establece cos humanos (*a muller da terriña*) empalma con outros refráns infectos dunha certa xenofobia.

21 Llópiz explica que *touriño* é aquí o touro elixido para a reprodución e que, se se quere conserva-la raza autóctona de bovinos, cómpre que non sexan doutras razas ou países.

22 Saco explica que *la raza suple lo que otras puedan dar con mayor alimentación*.

23 ERG: *tuas*.

24 ERG: *tuas*. XMSH explica que vai dirixido contra a profillación, porque os fillos alleos non agradecen o ben nin os sacrificios que por eles se fan. E dá estes paralelos: *Fillo alleo nunca ca túa casa se verá cheo; O fillo do meu home non come, o fillo alleo nunca se ve cheo.*

25 No texto: *é o mancebo...* (sic) (ZM). Saco ofrece este equivalente portugués: *O boi da tua vaca, e o moço da tua braga* (Chaves).

26 Bouza Brey engade a seguinte nota: *No lo trae Murguía. Es refrán de dialecto gallego oriental o de Asturias de occidente, que ya el Comendador* [Hernan Nuñez 1555] *consideraba como Galicia, según se observa en casos como cuando comenta el refrán: "En Luarca y Codillero* [sic] *las mujeres beben primero", que pone al pie: 'Luarca y Cudillero, dos lugares de Galicia'. En el refrán, la primera palabra es, en el libro de Núñez, 'Iado', que debe ser errata, y transcribimos 'Gado', a través, quizá, de 'Jado', bien por error, bien por un fenómeno de geada*.

27 O que aquí aconsella o noso informante de Riós contradise coas outras variantes que buscan sempre os becerros procedentes de vacas vellas. Poida ser que haxa que relativiza-lo consello no sentido de que se deba fuxir dos extremos, e unha *vaca non vella* non é, necesariamente, unha vaca primeiriza.

28 Llópiz di que así o aconsella a práctica veterinaria e cita a *Zootecnia veterinaria* do Instituto Pecuario de Lugo (Lugo 1945). Lémbrese, non obstante, o refrán *Poldro, de poldrela; becerro, de vaca vella*, e variantes, e o que recollemos do refraneiro asturiano: *Nuvellón de nuvilleya y xatina de vaca vieya*, que o colector explica deste xeito: *es preferible que la vaca joven tenga como cría un macho y la vaca vieja una hembra* (LC:314).

29 JASA: *égua*; explica que os mellores becerros se obteñen dos primeiros partos mentres que cos poldros é ó revés.

30 Un gandeiro bretón que ten algunhas das mellores vacas Holstein de Francia díxonos que, por medio da selección, el buscaba conseguir unha vaca que producise moito leite pero que tivese o ubre pequeno, porque as vacas leiteiras de ubres grandes e caídos case sempre acaban tendo problemas. Hoxe o que se busca é que a implantación sexa o máis ampla posible, o que implica menor profundidade.

Non hai que confiarse nas fillas das vacas leiteiras. (VS) [31]
O potro, da potrela, e o becerro, da vaca vella. (VS) [32]
Poldro, de poldrela; becerro, de vaca vella. (ERG:poldro)
Poltro, de poldrela; becerro, de vaca vella. (ANV1:101) [33]
Poltro, de poltrela, e boi, de vaca vella. (Barcia)
Poltro, de poltreta; becerro, de vaca vella. (XTC4) [34]
Potro, de potrela; becerro, de vaca vella. (EAG:51; MVN:466; MVN2:100; PdM:18; VS) [35]
Vaca enconecheira, boa cría á beira. (Salv2) [36]
Vaquiña arrazada, filla de casa pra gasallala. (VLLM:1,155) [37]
Vaquiña de casta, filla de casa pra coidala. (VLLM:1,155) [38]

7.2. O estro ou celo

O ciclo sexual das femias dos mamíferos segue catro fases clásicas, variando considerablemente dunha especie a outra na súa duración [39]. No caso da vaca vén durando 21 días. Comeza cunha fase de maduración folicular (*proestro*), durante a que se desenvolven un ou varios folículos e maduran os óvulos; esta fase dura de 2 a 3 días e, simultaneamente, aumenta o volume do útero preparando a concepción e posterior fixación do óvulo fecundado na matriz.

Segue a fase de celo (*estro*), que na vaca ten unha duración de 20-32 horas, máis curto nas xovencas (ata 16 horas) que nas multíparas. Como consecuencia do incremento na secreción de estróxenos no ovario aparecen unha serie de transformacións que determinan a exacerbación do instinto sexual. Máis adiante describiremos estes síntomas e signos do celo. Deste xeito inténtase asegura-lo éxito reprodutor xa que, nos animais, só durante a fase de celo o macho intenta a cópula e a femia a acepta. Unhas 10 horas despois de remata-los síntomas de celo é cando realmente se produce a ovulación

A idade na que se producen os primeiros celos varía segundo a rusticidade da raza. As vacas rubias non se dan en celo ata o ano ou ano e medio, mentres que as frisoas poden saír en celo xa ós 6-8 meses. En calquera caso, nunca resulta aconsellable cruzalas ou inseminalas a esas idades (un parto con menos de ano e medio só pode ir acompañado de problemas para a nai e para a cría) senón que se deben deixar pasa-los primeiros celos.

A terceira fase (*metaestro*) consiste na formación do corpo lúteo ou corpo amarelo a partir dos restos das paredes do folículo. A súa función é a de segregar proxesterona, hormona que prepara as paredes do útero para asegura-la implantación do óvulo á vez que inhibe a maduración de máis óvulos. Se se produce a fecundación, o corpo lúteo permanece activo durante toda a xestación cumprindo, ademais, outras funcións, como a de facilita-la alimentación do embrión e estimula-lo desenvolvemento do ubre.

Se non houbo fecundación e non concorren outras circunstancias patolóxicas, o corpo lúteo atrófiase, a partir do 10º día da ovulación. Como consecuencia, cesa a produción de proxesterona e comeza a maduración dun novo folículo, que dará lugar a un novo ciclo. Esta fase (*anoestro*) vén durando uns 7 días. Se hai fecundación e xestación, o corpo lúteo mantense activo e non hai máis celos: fálase entón de *anoestro xestacional*.

---

31 Este refrán, recollido en Sober antes de 1962, parece indicar que dunha vaca leiteira non necesariamente nace unha becerra que de adulta tamén o sexa. A aparente contradición coa experiencia da selección e mellora das razas que en Galicia se desenvolveu masivamente despois desa data explícase no feito de que se debe ter presente tamén a herdanza do pai na capacidade leiteira das crías, así como o manexo e alimentación durante a crianza, factores todos eles que serán os que determinen a produción futura da vaca.

32 VS: *i-o becerro*. Este refrán e mailos seguintes recollen unha práctica común na gandería tradicional segundo a cal se aconsellaba destinar ó engorde e posterior sacrificio ás primeiras crías que tiña unha vaca. A moderna gandería, que se abastece de xovencas importadas xa preñadas, non podería permitirse estes luxos.

33 ANV1: *Póltro, poltréla*.

34 Sospeitamos que ese *poltreta* sexa un erro por *poltrela*, diminutivo que utilizan tódolos demais autores.

35 MVN: *potrèla, vèlla*. MVN2: *potréla, vélla*.

36 No texto: *a beira*.

37 Llópiz explica que *vaca arrazada* é vaca mellorada en herdanza paterna por cruzaren os donos a súa nai cun boi de casta fina. Recólleo de F. Monroy, prof. veter. de Trasariz (Vimianzo).

38 Llópiz recólleo en Ancorada de M. Bermudez.

39 Nos animais salvaxes o celo aparece só nunha determinada época do ano e, dentro desa época, unha soa vez na maioría das especies. Por iso se chaman monoéstricos. Algúns animais domésticos presentan dúas épocas de celo ó ano (diéstricos), como acontece coa cadela e a gata. A maioría dos animais domésticos, incluída a vaca, son poliéstricos e presentan celos a intervalos regulares ó longo de todo o ano.

5971 **aluamento** *s.m.* Celo dos animais. Tendo en conta que o ciclo sexual da vaca ten un período de 21 días e o mes lunar é de 28, non parece posible proba-la influencia da lúa nestas materias. Esta voz e outras moitas paralelas, que veremos máis adiante, deben de facer referencia á crenza popular que relaciona coa lúa os estados anímicos exaltados dos seres humanos. (XER).

5972 **burruallo** *s.m.* Celo. (LG).

5973 **cacheira 1** *s.f.* Celo da cadela. Por ext., celo doutros animais. (Xun2).

5974 **celo** *s.m.* Excitación sexual dos animais. (ERG).

5975 **cío** *s.m.* Celo. Eladio Rodríguez considérao lusismo e di que, na acepción de celo dos animais, "algunos de nuestros escritores emplean la voz portuguesa *cío*" (ERG: s.v. *celo*). Pero cando define *cío* non fai ningunha observación. Recólleno tamén con este mesmo significado e sen marca ningunha Ibáñez, Franco Grande e Carré (DdD). Parade. escribe *cio*. (ERG, LG, Parade.).

5976 **luado** *s.m.* Ver LUARDO /5977. ... *lévase adonde haxa un boy de puesto, antes de que se lle pase o luado*. Na fotocopia que manexamos parece lerse *o loado*, que corriximos por consideralo un erro. (Arzúa4).

5977 **luardo** *s.m.* Período de celo. Ver ANDAR DE LUARDO /6008. Falando da vaca dise que *anda de luardo* cando está en celo ou que *pode esperar outro luardo*. En calquera caso o significado de *luardo* fóra deste contexto parece ser o de mes ou ciclo lunar. (AO2).

5978 **pracio** *s.m.* Prazo. Falando de animais vacúns e outros, o período entre celo e celo ou o mesmo celo. (Arcos).

5979 **sasón** *s.f.* Ver SAZÓN /5980. (Buga-A, Casal., Lampón, Pal., Ribe2).

5980 **sazón** *s.f.* Celo da vaca. Tamén se di doutros animais. (Carr-C, Peroxa, Sob., Toba).

5981 **toura 8** *s.f.* Período de celo da vaca. (Com1, XER).

5982 **tourengo** *s.m.* Celo, apetito xenésico dos animais. (LCA2, LG).

5983 **zazón** *s.f.* Ver SAZÓN /5980. Parece hipercorrección do seseo. (Lendo, Lestón).

7.2.1. Estar ou saír en celo

Imos xebra-las voces que designan o momento en que a vaca sae en celo, é dicir, cando comeza a manifesta-los síntomas de celo ou cando os presenta claramente. Na seguinte epígrafe verémo-las que designan o momento en que cesan estes signos de celo.

5984 **aboiarse** *v.* Saír en celo [unha vaca]. Algunhas das nosas fontes escriben *aboyarse* ou *aboiar-se*. *Despois de 'aboiar-se' e pasado o 'cío', deixan de 'andar ao boi' ou ao touro e as que que non empreñaron volven a 'enfriarse' deica o novo cio* (Parade.:275). (Parade., Viso1, Viso2, Zolle).

5985 **alborar** *v.* Saír [a vaca] en celo. (Piquín2).

5986 **alboriar** *v.* Ver ALBORAR /5985. (Piquín2).

5987 **asaírse** *v.* Ver SAÍRSE /5997. (Ctel1).

5988 **atourearse** *v.* Estar en celo [unha vaca]. (Barre.).

5989 **boiar** *v.* Estar en celo [unha vaca], bruando polo boi dun xeito característico. A nosa fonte fala de *estar boiando*. (LG).

5990 **cacer** *v.* Ver QUENCER /5994. (Negral).

5991 **correrse** *v.* Saír en celo. MVN di *Corrers'os bois*. Dícese de la Perra, Cerda o Vaca que desea concebir". (MVN).

5992 **entourarse 1** *v.* Poñerse touronda, en celo [unha vaca]. (ERG).

5993 **quecer** *v.* Ver QUENCER /5994. (Alla2, Antas3).

5994 **quencer** *v.* Saír [a vaca] en celo. (Abadín, Arzúa2, Beman., Boi., Burela1, Burgo, Caa., Cab., Carde., Ced., Corre., Culle., Cur., Cur1, Feás-A, Fre., Gui., Laraxe, Mira., Mondo2, Mour1, Mra., Oza, Pade., Parga, Poulo, Sob., Vala1, Valen., Vi-Val., Vilar, Vmaior., Vviño).

5995 **quencerse** *v.* Ver QUENCER /5994. (Ces., Codeso., Pedro.).

5996 **quenser** *v.* Ver QUENCER /5994. (Lucí).

5997 **saírse** *v.* Poñerse en celo [unha vaca]. (Común).

5998 **tourear 4** *v.* Estar [a vaca] en celo. *Tourea a vaca*. (Arma., Pantón, Ped1, XER).

5999 **tourentar** *v.* Ver TOUREAR 4 /5998. (Carr-G).

6000 ***salirse** *v.* Ver SAÍRSE /5997. (Carño2, Piñei2, Vala., Vill-O).

6001 **'tar saída** *loc. v.* Ver ESTAR SAÍDA /6044. (Ortoño).

6002 **anda'l borrón** *loc. v.* Ver ANDA'L TOURO /6003. (Ancares2).

6003 **anda'l touro** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. "Cuando está en celo se dice que está o anda: *berraquía*, *anda saída*, *anda'l borrón*, *anda'l touro*, *anda'os bois*". (Ancares2:194).

6004 **andar á maroa** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Piquín).

6005 **andar á marola** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Piquín).

6006 **andar a xato** *loc. v.* Ver ANDAR Ó XATO /6021. (Medín).

6007 **andar alta** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (CGG2, Vala.).

6008 **andar de luardo** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Piquín4).

6009 **andar de sazón** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Gro2, Noalla3).

6010 **andar de *luna** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. Ver ALUAMENTO /5971. (Gro2).

6011 **andar maronda** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (VLLM).

6012 **andar movida** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Antas3).

6013 **andar na tourea** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. Tamén o recolle LT2, pero aplicado só a cabras e ovellas. (Piquín).

6014 **andar ó almacio** *loc. v.* Ver ANDAR Ó BOI 1 /6017. (Razo).

6015 **andar ó almallo** *loc. v.* Ver ANDAR Ó BOI 1 /6017. (CGG2, San.).

6016 **andar ó armallo** *loc. v.* Ver ANDAR Ó BOI 1 /6017. (Carbal., Nive.).

6017 **andar ó boi 1** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. Na refundición que manexamos das enquisas do ILG das voces procedentes da provincia de Pontevedra aparece como lema *andar ao boi*; na de Ourense: *andar o boi*; na da Coruña: *andar ao boy* en 14 lugares e *andar o boi* en 6; na de Lugo: *andar ó boi* en 5 e *andar ao boi* en 3; tamén en Lugo temos en VFrore (Allariz 2): *andal o boi*, e en Arroxo: *andoar* [sic] *ao boi*; en Arzúa4: *anda ó boy*, e en Sober2: *andar a vaca ao boi*. Incluímos todas estas formas na máis común *andar ó boi*. Non nos parece que esas variantes gráficas representen diferenzas léxicas dos diferentes lugares senón, máis ben, diversidade de criterio dos colectores ou dos amanuenses que recompilaron os cadernos. *Manoel criara unha becerra da vaca bermella. O animal xa andivera ó boi catro ou cinco veces, pro nunca empreñaba* (MC:37). (Común. ILG:58 (C:23, LU:10, OU:3, PO:22)).

6018 **andar ó cucho** *loc. v.* Ver ANDAR Ó BOI 1 /6017. (Bas.).

6019 **andar ó macho** *loc. v.* Ver ANDAR Ó BOI 1 /6017. (Hermi.).

6020 **andar ó touro** *loc. v.* Ver ANDAR Ó BOI 1 /6017. (CGG2, Ped1, XER).

6021 **andar ó xato** *loc. v.* Ver ANDAR Ó BOI 1 /6017. *Resulta moi corrente oír, xunto a expresión de 'esta vaca anda ó almallo', outras semellantes: 'anda ó boi' (moi estendida por toda Galicia), 'anda ó touro', 'anda ó xato', 'anda saída', 'anda alta', etc. para indicar que a vaca está en celo* (CGG2: *Andar ó almallo*, 91). (Antas3, Arroxo, Burón, Cere., CGG2, Chan., Gun., Mon., Negral, Piñe., Suarna, XER).

6022 **andar ó *toro** *loc. v.* Ver ANDAR Ó BOI 1 /6017. (Alence).

6023 **andar ós bois** *loc. v.* Ver ANDAR Ó BOI 1 /6017. A nosa fonte escribe *andar aos boys* (Couce.) ou *anda'os bois* (Ancares2). (Ancares2, Couce.).

6024 **andar quente** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Común).

6025 **andar saída** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Común).

6026 **andar toureira** *loc. v.* Ver ANDAR Ó BOI 1 /6017. Ver cantiga: *A burra do Trinta/ andaba toureira...*. (Bar-Co., Gond., Guil2, Tabor., Valad2, VD).

6027 **andar tourona** *loc. v.* Ver ANDAR TOUREIRA /6026. *A vaca Cereixa, que era cobizada n-a parroquia, andaba un pouco tourona, y-ó levala donde o corpo lle pidía, ó chegar ós Tres Rigueiros, n-a misma Ponte, deu unha arrinca e crebou as maus d'adiante; por esta entrequenencia foi pro coitelo ó disbarate*. (Aleixos2:3).

6028 **andar touronda** *loc. v.* Ver ANDAR TOUREIRA /6026. (Parade.).

6029 **andar *salida** *loc. v.* Ver ANDAR SAÍDA /6025. (Cang3, Carbal., Cervá1, Cervá2, Chan., Com1, Cunt2, Eixo, Figue2, Fre., Gui., Guil2, Incio, Meir., Negral, Noal, Parga, Piñor, PSil, Randu., Rendal, Saiar, Sisán, Vedra, Veste., Vill-O).

6030 **chega-lo tempo** *loc. v.* Alcanza-la madurez sexual e saír en celo [unha vaca]. *Cando ás almallas lles chega o tempo, lévanas ó touro*. (XLF:302).

6031 **darse ó boi** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Ctel1, Gond., Gro2).

6032 **estar asaída** *loc. v.* Ver ESTAR SAÍDA /6044. (Gaxate).

6033 **estar caente** *loc. v.* Ver ESTAR QUENTE /6043. (Com4).

6034 **estar de sasón** *loc. v.* Ver ESTAR EN SAZÓN /6037. (Buga-A, Casal., Lampón, Pal.).

6035 **estar deshonesta** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. O noso informante en Ancares2 localiza tamén esta voz en Andiñuela (León). (Ced., Saln., Suarna).

6036 **estar en celo** *loc. v.* Ter signos do estro [unha vaca]. (Común).

6037 **estar en sazón** *loc. v.* Estar [a vaca] en celo. (Común).

6038 **estar montada** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (SComba).

6039 **estar movida** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Pedro.).

6040 **estar na sazón** *loc. v.* Ver ESTAR EN SAZÓN /6037. (Carr-C, Peroxa).

6041 **estar p'ó xato** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. A nosa fonte escribe *estar pó xato*. (Gui.).

6042 **estar quencida** *loc. v.* Ver ESTAR QUENTE /6043. (Estr4).

6043 **estar quente** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Bolo, Borre., Car2, Dúas, ERG, Estr3, Mon., Neda, Negra., Oirán, Peno., PSeca, Rábade, San., Vi-Val.).

6044 **estar saída** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Común).

6045 **estar saída de razón** *loc. v.* Ver ESTAR SAÍDA /6044. ¿Será un erro por *sazón* ou fará referencia ó estado de excitación da vaca en celo? (San.).

6046 **estar toura** *loc. v.* Ver ESTAR TOUREIRA /6047. (LG).

6047 **estar toureira** *loc. v.* Ver ANDAR TOUREIRA /6026. (Frei., Morga.).

6048 **estar tourona** *loc. v.* Ver ESTAR TOUREIRA /6047. (Grixoa).

6049 **estar touronda 1** *loc. v.* Ver ESTAR TOUREIRA /6047. *¡A vaca está touronda!* [sic]. (ZM:042).
6050 **estar ventosa** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. A locución pode facer referencia á vella crenza de que as eguas preñaban do vento. Lémbrese tamén o refrán castelán *Empréñate del aire, compañero, y parirás viento*. (MVN, Oirán).
6051 **estar *salida** *loc. v.* Ver ESTAR SAÍDA /6044. (Agro., Burón, Cang2, Carr-C, Com1, Cruído, CTui, Cur., Fara., Gun., Incio, Lagar., Lago, Lucí, Mez., Mosen., MVN, Neves2, Nove2, Oliv., Ped1, Peroxa, Pont., Ribe1, San., Sob., Suarna, Suevos, Teo, Vxoán).
6052 **facer celos** *loc. v.* Mostrar síntomas de estar en celo [unha vaca]. *Ela fixo celos pero despois desangrouse*. (Noalla3).
6053 **facer sazón** *loc. v.* Saír en celo [unha vaca]. (Cam1).
6054 **faser sasón** *loc. v.* Ver FACER SAZÓN /6053. (Ribe2).
6055 **pedi-lo boi** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Camba., Gond.).
6056 **poñerse movida** *loc. v.* Saír en celo [unha vaca]. (Camba).
6057 **poñerse quente** *loc. v.* Saír en celo [unha vaca]. (Negral).
6058 **quere-lo touro** *loc. v.* Saír en celo [unha vaca]. (Común).
6059 **ter celos suficientes** *loc. v.* Ter alcanzado [a vaca] o momento de maiores e máis evidentes síntomas de celo. *Cando tiña celos suficientes enseminoulla*. (Noalla3).
6060 **ter toura** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. (Cabal., Figue1).
6061 **ter zazón** *loc. v.* Estar en celo [unha vaca]. Parece hipercorrección do seseo, por *ter sazón*. (Lestón).
6062 ***andar al boi** *loc. v.* Ver ANDAR Ó BOI 1 /6017. (Ibias1).
6063 ***salir ó boi** *loc. v.* Saír en celo [unha vaca]. (Conxo).

Vaquiña que apasta por marzo, cata ao boi por maio. (VLLM:1,156) [40]

A burra do Trinta
andaba toureira,
quen tivo a culpa
foi a Paxareira. [41]

Rangoneteille a muller de Bartolo,
rangoneteilla porque estaba tolo,
cando Bartolo se volva a casare
heilla de volver a rangonetar.
Rangoleteilla no medio da ieira,
fíxolle ben que andaba toureira;
rangoneteilla no medio da casa,
fíxolle ben que logho lle pasa.

Cando Bartolo se volva a casare
heilla de volver a rangonetar
ai la la [42]

Señora María, muller do barqueiro,
reprenda o seu galo que anda toureiro.
Se anda toureiro, déixalo andar
que á súa galiña non lle ha de matar. [43]

Xa pasei o río a nado
piques de perde-la vida
se eu che son o touro bravo
veño ver se andas salida. [44]

7.2.2. Remiti-lo celo

6064 **arredar 3** *v.* Deixar de andar en celo [un animal]. (Hermi.).
6065 **desangrarse** *v.* Botar sangue pola vulva [unha vaca] ó finaliza-lo celo. (Noalla3).
6066 **enfriarse** *v.* Remitir [unha vaca] nos síntomas do celo, unha vez rematado este. Nótese a oposición a *quentar*: saír en celo unha femia. Ver tamén comentario á ABOIARSE /5984. (Parade.).

7.2.3. A vaca en celo

6067 **toura 7** *s.f. Ú. t.c.adx.* Vaca en celo. *'Toura' así mesmo tamén significa estar en celo, e unha vaca neste período - 'touronada'- pode tornarse moi perigosa para o seu dono xa que pode 'trucar' (arremeter) contra el, tomándoo polo almallo. A 'vaca toura' ten que ser rapidamente*

40 Llópiz explica que a herba tenra faina revivecer e anticípalle o celo. Recólleo de F. Monroy.
41 VD:270.
42 SCHU1/2/498; recollido en Leirado, Salvaterra do Miño. No texto: *Rangoneteill'a muller, porqu'estaba, volv'a casare, qu'andaba, volv'a casare.*
43 Neves3.
44 SCHU6/2/1178. No texto: *rí'a, s'eu, s'andas.*

atendida, esto é, 'satisfeita'. De feito adoita ser normal que a vaca 'estea tola' neste momento, polo que ó tratar con ela cómpre tomar tódalas precaucións. (LG:15.03.1998).

6068 **aboiada 2** *adx.* [Vaca] en celo. Consta. escribe *abollada*. (Consta., Parade., Zolle).

6069 **alborada 1** *adx.* [Vaca] en celo. (Piquín).

6070 **alunada** *adx.* [Vaca] que anda saída. Ve-lo comentario a ALUAMENTO /5971. (Vboa.).

6071 **alzada 1** *adx.* [Vaca] en celo. (Suarna).

6072 **asaída** *adx.* Ver SAÍDA /6087. (Baíñas, Cam2, Cam4, Laxe, Noice.).

6073 **boieira 2** *adx.* [Vaca] en celo. (LG).

6074 **boizada** *adx.* [Vaca] que anda ó boi. (Ibias1).

6075 **deshonesta** *adx.* [Vaca] en celo. (Ced., Consta., Saln., Suarna).

6076 **deslimada** *adx.* Ver LIMADA /6079. (PCal.).

6077 **enquestada** *adx.* [Vaca] en celo. (LG).

6078 **levantada** *adx.* [Vaca] en celo. (Ped1).

6079 **limada** *adx.* [Vaca] en celo que bota *limo* -mucosidades- pola vulva como signo do celo. (Gond., LG).

6080 **lismada** *adx.* Ver LIMADA /6079. (PAre1).

6081 **lueira 1** *adx.* [Vaca] que sae en celo regularmente. *Igualmente [...], mea ou múa cando está limada ou naturada -en cío- sobre todo as femias lueiras que, puntualmente, van ós touros cada nove meses e que se acostuman á necesidade* (LG:10.05.1998). Encontramos aquí repetido o mesmo concepto de Aníbal Otero "*Lueira*: dícese de la vaca que sale al toro todos los nueve meses". Aceptamos que un celo frecuente e regular é unha característica positiva, pero que tal suceda cada nove meses sería imposible, xa que ese é o tempo de xestación, e en menos tempo sería unha característica negativa cando non unha clara ninfomanía (Ver LUEIRA 2 /9275 en 8.7.10). Cfr. voces relacionadas con esta, como *aluamento* /5971 (celo), *alunada* /6070 (vaca en celo) ou *andar de *luna* /6010) (saír en celo). (LG).

6082 **maronda 2** *adx.* [Vaca] en celo. (VLLM).

6083 **movida** *adx.* [Vaca] en celo. *Estaba un home cunha vaca nunha feira e resulta que había un toro cerca, da, daquela vaca, e a vaca estaba movida, e resulta que, vaise o toro e fixo averías, e montou na vaca*. (XPP:69).

6084 **naturada** *adx.* [Vaca] en celo. (LG).

6085 **quente** *adx.* [Vaca] en celo. (Ced., Cur., Damil, Feás-A, Fri., Laiosa, Mel1, Mra., Parade., Ram., San., Sob., Taboa., Xudán1, Zolle).

6086 **ronqueña** *adx.* [Vaca] que moxe moito como seguimento do celo continuo. (Común).

6087 **saída** *adx.* [Vaca] en celo. (Busta., Cab., Com1, Dum., ERG, Gro1, Gud., Marín, Penela, Toba, Xudán1, Xun.).

6088 **sazonada** *adx.* [Vaca] en celo. (Cam2).

6089 **seída** *adx.* Ver SAÍDA /6087. (Toba, Vcova.).

6090 **silleira 4** *adx.* [Vaca] cando está en disposición de ser montada. (LCA1).

6091 **toureada 2** *adx.* Ver TOUREIRA 1 /6092. Así o define a nosa fonte, se ben parecería máis lóxico que esta *vaca toureada* fose unha vaca que xa foi ó touro, que xa foi cuberta polo touro. De ser así, a voz debería estar clasificada na epígrafe 7.3.4. *Vaca cuberta*, onde xa temos *toureada* e as vars. *atourada* e *atoureada*. (Carbal).

6092 **toureira 1** *adx.* [Vaca] en celo, que quere o touro. *Dolores do Burgo (de Guntín) tiña o boi colludo, que montaba as vacas toureiras do lugar e doutras aldeas. Por cada monta, a dona, cobraba un peso (1940)* (Cañiza3:115). (Común).

6093 **tourenga** *adx.* Ver TOUREIRA 1 /6092. Aplícase tamén a outras femias en celo, ademais da vaca. (LimiaB, Xun2).

6094 **touronada** *adx.* Ver TOUREIRA 1 /6092. Interpretamos así a información que nos dá Luís Giadás: *'Toura' así mesmo significa 'estar en celo', e unha vaca neste período -touronada- pode tornarse moi perigosa*. Tamén podería interpretarse *touronada* co significado de "período de celo" pero parécenos máis verosímil que *touronada* sexa adxectivo da vaca en celo, como *toura*, *tourona* ou *touronda*. (LG).

6095 **touronda 1** *adx.* Ver TOUREIRA 1 /6092. (ERG, JMP, Parade., Piquín).

6096 **verronda** *adx.* [Vaca] en celo. JMP define como "verrionda", adx. que o DRAE define así: "Se dice del puerco y de otros animales cuando están en celo". (JMP).

6097 **verrueira 3** *adx.* [Vaca] que está ardente e non colle o preñazo e anda amontando ás outras vacas e ela non se deixa montar. (Ctel1).

6098 **verzuda** *adx.* [Vaca] coa vulva encarnada e turxente como signo do celo. (Suarna).

6099 **virzuda** *adx.* Ver VERZUDA /6998. A. Otero escribe *birzuda*. (Donís2).

6100 ***salida 1** *adx.* Ver SAÍDA /6087. (Alla2, Caban., JMP, Laiosa, Lobe., Mon., Piñor, Samos3, TCha).

6101 **con zazón** *loc. adx.* [Vaca] en celo. (Lendo).

Vaca limada, ou quente ou preñada. (VS)
Vaca limada, ou saída ou preñada. (TCha:95; Antas4) [45]

[45] Tanto no momento do celo coma nas proximidades do parto, a vaca expulsa pola vulva unha limosidade característica que lubrifica as paredes vaxinais. No texto: *salida* (TCha e Antas4).

7.2.4. Signos do celo

O celo maniféstase con distintas transformacións físicas ou de comportamento coas que a femia indica ó macho que está no momento fértil. O macho capta inmediatamente as feromonas que aquela libera e acode a cubrila. Pero na gandería tradicional, e moito menos na gandería moderna, non se pode confiar na monta natural e o gandeiro debe estar vixiante ante a aparición desas manifestacións do celo para así garanti-la reprodución e consegui-la rendibilidade do rabaño. Máxime cando se observa que nas vacas máis selecionadas e mellor alimentadas, os signos de celo son máis discretos que nas vacas rústicas ou a monte. A taxa de detección de celos convértese así nun parámetro fundamental na rendibilidade da moderna explotación gandeira.

Na vaca en celo pódese observar unha hiperhemia dos órganos xenitais, que aparecen rubios e tumefactos, e tamén se aprecia a expulsión pola vulva dunha secreción vaxinal mucosa (*o limo*), ás veces sanguinolenta, se ben a presenza de sangue no limo é máis habitual un ou dous días despois de remata-lo celo. Resulta frecuente tamén unha exaltación do temperamento tanto nas vacas -que adoitan montar ou intentar montar a outras vacas- coma nos bois (nestes, só cando conviven con aquelas en rabaños mixtos). Esta excitación explica que o gandeiro describa esta situación como *andar saída, andar quente* ou *andar toureira* (ou, máis explicitamente, *estar tola*), comportamento que non só se aplica ás vacas nin sequera só ás femias, como podemos ver no cantigueiro.

Este estado de excitación que se pode observar no momento do celo fai que se deba extrema-lo coidado no manexo dos bois, que poden ser extremadamente perigosos cando cheiran unha vaca en celo. Pero tamén cómpre ter coidado coas vacas:

> *Outra traumatoloxía relacionábase cos animais domésticos en contacto diario coa xente, e peor aínda cando andaban en celo, en xeral subíanse ás persoas producíndolles magoaduras, importantes ás veces.* [46]

7.2.4.1. Bota-lo limo

6102 **culimada** *s.f.* Mucosidade que expulsan polos xenitais as vacas en celo ou próximas a parir. (ERGa, LG).
6103 **culimallada** *s.f.* Ver CULIMADA /6102. (LG, Muime2).
6104 **cullimada** *s.f.* Ver CULIMADA /6102. (Muime3).
6105 **limallo** *s.m.* Secreción mucosanguinolenta que deitan as vacas tralo celo. *Botou un limallo así castaño*. (Noalla3).
6106 **limaracos** *s.m.pl.* Ver LIMO 1 /6107. (Osoño2).
6107 **limo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Exudación lubrificante das paredes vulvo-vaxinais máis abundante durante o celo ou nas proximidades do parto. (Común).
6108 **limoco** *s.m.* Ver LIMO 1 /6107. *Os limocos das vacas quedan esmerejados nas maus* (AO2:9,1959,84). Aníbal Otero explica que *esmerejado/a* se aplica a "cualquier substancia viscosa o sucia, cuando queda deshecha en pingajos". (AO2, Ped1).
6109 **lomeaco** *s.m.* Ver LIMO 1 /6107. (Gud5, XLFG).
6110 **delimar 1** *v.* Ver LIMAR 1 /6112. (Fri.).
6111 **deslimar** *v.* Ver LIMAR 1 /6112. (LG).
6112 **limar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Expulsa-lo *limo* [unha vaca] cando está en celo. (Burón, Com1, Pantón, Sob., Suarna, Toba).
6113 **luxar 1** *v.* Bota-lo limo. (Sob.).
6114 **andar limada** *loc. v.* Botar mucosidades pola vulva [unha vaca en celo]. (Gond.).

7.2.4.2. Bruar de xeito especial

Lémbrense as denominación populares do bruído vistas en 4.5. *Bradar.*

6115 **berraquiar** *v.* Ver BERRAR 2 /6116. (Ancares2).
6116 **berrar 2** *v.* Berrar [unha vaca] máis e de xeito distinto cós outros días como signo do estro. (Gond.).
6117 **berregar 2** *v.* Ver BERRAR 2 /6116. (Gond.).
6118 **boiar** *v.* Bramar [unha vaca] polo boi cando está en celo. (LG).
6119 **esgurriar 2** *v.* Bramar polo boi [unha vaca en celo], "laiando dun xeito doce". (LG).
6120 **mear** *v.* Berrar [a vaca] cando está en celo. (LG).
6121 **urrar 2** *v.* Ver BERRAR 2 /6116. (Ctel1, ERG, Gond.).

[46] MRP:108.

7.2.4.3. Estar inquieta, moverse, montar

6122 **abeirarse** *v.* Refregarse [unha vaca] coas outras cando está en celo e mesmo montar nelas. (VLLM).

6123 **acabalar 2** *v.* Montarse [unha vaca] por riba de calquera outra, ou mesmo sobre unha persoa, cando están en celo. (Com1, Feás-A, Gond., LG, Mel1, Parade.).

6124 **acabalear** *v.* Ver ACABALAR 2 /6123. (Gond.).

6125 **acabalgar** *v.* Ver ACABALAR 2 /6123. (ERG).

6126 **blandirse** *v.* Moverse [a vaca en celo] con axitación a un lado e a outro ou abaixándose. (Xun2).

6127 **escostrexarse** *v.* Inquedarse [a vaca] cando lle vén o celo. (Meira3).

6128 **esvencillarse** *v.* Estirarse [a vaca] cando está en celo. (Pantón).


6129 **goldrear 2** *v.* Montar [unha vaca en celo] noutras vacas. *Anda goldreando nas outras; hai que levala ó boi*. (Made.).

6130 **montar 2** *v.* Ver ACABALAR 2 /6123. *Saben que unha vaca anda ó boi cando escapa e monta nas compañeiras* (XRMF4:87). (Gond., VLLM, XRMF4).

6131 **pandear** *v.* Curva-lo lombo [a vaca en celo] cando se lle pasa a man por el. (PAre1).

6132 **estar avespada** *loc. v.* Estar [unha vaca] inquieta, sacudindo a cabeza, coma se aventara as avésporas, como signo do estro. (Gond.).

6133 **estar tola** *loc. v.* Estar excitada [unha vaca] durante o celo, polo que cómpre manexala con tódalas precaucións. (LG).



Vaca en celo montando noutra.

Cando a vaca anda maronda, toda se abeira coas outras. (VLLM:1,137) [47]
Marela que anda maronda, abéirase cas outras. (VLLM:1,143)
Marela que anda maronda, móntase nas outras. (VLLM:1,143) [48]

7.2.4.4. Cesar de dar leite

6134 **baixar no leite** *loc. v.* Producir [unha vaca] menos leite, como signo do estro. (Gond.).
6135 **cansa-lo leite 2** *loc. v.* Ver BAIXAR NO LEITE /6134. (Gond.).
6136 **non da-lo leite** *loc. v.* Ver BAIXAR NO LEITE /6134. (Gond.).
6137 **perderse o leite** *loc. v.* Ver BAIXAR NO LEITE /6134. (Gond.).
6138 **rete-lo leite** *loc. v.* Ver BAIXAR NO LEITE /6134. (Gond.).

7.2.4.5. Outros signos de celo

6139 **alborada 2** *adx.* [Natura das femias] edematosa cando están en celo. (Barcia, Piquín).
6140 **estar naturada** *loc. v.* Ter edema vulvar [unha vaca] como consecuencia do celo. (Com1, Gond., Mez., Oroso2, Ped1).
6141 **ter inchado o nacedouro** *loc. v.* Ter edema vulvar [unha vaca] como consecuencia do celo. (Gond.).

7.3. A cubrición

Unha vez recoñecido o estado de celo da vaca, o gandeiro levábaa ó boi, propio ou comunal, para que a cubrise. Hoxe case podemos asegurar que xa só se recorre á inseminación.

Tras uns momentos de recoñecemento mutuo, no que ademais se produce un aumento da irrigación dos órganos sexuais e a erección do pene [49], o boi monta sobre o dorso da femia e prodúcese a cópula. Nos bóvidos, a cópula non dura máis de 5-10 segundos, depositándose os espermatozoides no colo do útero. Estes terminan a súa maduración e capacitación para ser fecundantes ó cabo dunhas 6-7 horas e comezan a ascender polo útero cara ós ovidutos e só uns poucos, menos do 1%, dan chegado ó pavillón, onde se produce a fecundación do óvulo.

7.3.1. O boi semental

Véxase o que dixemos do boi no capítulo 2. *Exterior* na epígrafe 2.1.5.3.2. *O boi*. Xa quedou dito que *boi* é tamén o nome do semental e que a diferenza que se dá en castelán entre *buey* (capado) e *toro* (sen capar, semental) non se dá no galego. Por este motivo, as únicas voces que recollemos agora son as que fan referencia expresa á súa actividade como semental.

6142 **almacio** *s.m.* Ver ALMALLO 1 /6144. (Razo).
6143 **almaio** *s.m.* Ver ALMALLO 1 /6144. (ERG).
6144 **almallo 1** *s.m.* Boi semental. *O almallo é un macho ben cebado* (XRMF4:87). *Ó touro semental chámanlle 'almallo' e á vaca estéril, toura'* (XRMF4:81). (Cabal., Cer., Com1, CP, ERG, LG, Oroso1, Parga, Ped1, Razo, San., Sob., Toba, VLLM, XER, XRMF4).
6145 **armaio** *s.m.* Ver ALMALLO 1 /6144. A nosa fonte escribe *armayo*. (Lañas).
6146 **armallo 1** *s.m.* Ver ALMALLO 1 /6144. *Daquela criabanse moito os armallos ¿non? Bois ¿non? -¿Armallos? -Sí, sí. E traianse, claro, e viña un homiño si cadra un homiño vello, como eu hoxe, por ejemplo, chamandoos...* (Cece.). *-Para que non escapara, pero nesto collía as cordas dos armallos, nos tamén tiñamos armallos, collía as cordas dos armallos ¿non? e ¡bin ban!, e ¡bin ban!* (Cece.). (Cab., Cabal., Cece., Com1, Nive., Rendal, Vala1).

[47] Llópiz: *cás*; recólleo de J. F. Losada, prof. vet.
[48] Llópiz explica que, se ben *marela* é a vaca de pelo roxo, poeticamente comprende en xeral a toda vaca nova; cita ó P. Sobreira.
[49] O pene do boi, a diferenza doutras especies, apenas aumenta de volume pero si, considerablemente, de lonxitude, por relaxación do músculo contractor deste.

6147 **callistro** *s.m.* Animal macho enteiro, non castrado. (Ver1).

6148 **castal** *s.m.* Semental. O noso informante non especifica a que especie animal se refire. (Piquín).

6149 **castizo 1** *s.m.* Boi semental. Recibe este nome precisamente pola súa función reprodutora. *Os castizos hanse de tere con moito tino y-acomodo; non poden tratárense com'os outros animás; iles teñen d'estar mantidos a cortello xuntand'a sua mantenza un bo anaco de grau*. (FL:5).

6150 **coberteira 2** *s.f.* Ver CUBERTEIRA 2 /6151. (ERG).

6151 **cuberteira 2** *s.f.* Animal macho que se escolle polas súas boas cualidades e se adica a semental. (ERG).

6152 **cucho 2** *s.m.* Boi semental. (Bas., Couce.).

6153 **fenesto** *s.m.* Boi semental. (Suevos).

6154 **macho 1** *s.m.* Boi semental. (CTui, Gro1).

6155 **machote** *s.m.* Ver MACHO 1 /6154. (Gro1).

6156 **padre** *s.m.* Boi semental. Temos dúbidas de se é substantivo ou adxectivo: *boi padre*. A fonte escrita só di *padre*. (Rama.).

6157 **pai** *s.m.* Macho destinado á procreación no gando. (ERG).

6158 **perico 2** *s.m.* Boi semental. (Mel1).

6159 **pocho 2** *s.m.* Boi semental. Ve-lo comentario a PUCHO 2 /6160. (Arme.).

6160 **pucho 2** *s.m.* Boi semental. Arme. recolle o diminutivo *puchiño*. Quédano-la dúbida de se este *puchiño* é unha errata do colector ó transcribi-las súas notas á fonte escrita que nós manexamos ou se de certo é unha denominación afectiva para un boi semental. (Arme., Estr4).

6161 **semental 1** *s.m.* Boi semental. [razas estranxeiras] *traguidas en parte pol-as granxas do Estado i-en parte por algúns propietarios de sementaes que se istalaron cas suas paradas nos arredores de Ourense* (Velle1:135). (Car2, Culle., Velle1, Zolle).

6162 **touro 1** *s.m.* Macho vacún non castrado. *Os homes levan as vacas onda un veciño que teña un touro* (Loures.:19). *Estando destiñado á reproducción, chámase 'touro'* (XLF:299). *Cando ás almallas lles chega o tempo 'lévanas ó touro'* (XLF:302). Na Gudiña, Laureano Prieto explica que alí non usan a palabra *touro*: "Aquí no existe la palabra *touro* para designar el macho vacuno: el toro es un *boi enteiro*, el buey es un *boi capado*" (Gud7:51). O noso informante de Ancares2 engade que a forma *touro* é máis rara cá de *boi*. (Común).

6163 **xato 3** *s.m.* Boi de dous ou tres anos, enteiro, que xa serve para cubri-las vacas. (Antas3, Cal., Chan., Cubi2, Mon., Mra., Negral, Parade., Piñe., PSil, Suarna, XER, Zolle).

6164 ***toro 1** *s.m.* Boi semental. LG recolle esta denominación de Uxío Novoneira, e engade que no Courel reservan a palabra *touro* para o porco macho. (Abadín, Alence, Ben., Buga-A, Burela1, Camba, Cang2, Cast., Ced., Cer., Com4, Conxo, Crendes, Eixo, Fol-LE, Gro1, Gud., Lagar., Lendo, Lestón, LG, Meir., Mon., Mour1, Negr2, Noal, Oza, Rendal, Rib-S, Ribad., Ribó, SComba, Sete-L, Valen., Veste., Vilar, Vill-O, VLLM, Xeve, Xudán1).

6165 **aimallo das vacas** *s.comp.m.* Ver ALMALLO 1 /6144. Temos dúbidas de se *aimallo* non será simplemente unha mala transcrición por *almallo*. (Rus).

6166 **boi bravo 1** *s.comp.m.* Boi semental. (Troán1).

6167 **boi común** *s.comp.m.* Boi semental. O adx. *común* refírese a que este boi se dedica a cubri-las vacas de tódolos veciños. (Gaxate).

6168 **boi d'aboiar** *s.comp.m.* Boi semental. A nosa fonte escribe *boi da boyar*. (Guil2).

6169 **boi d'aghricola** *s.comp.m.* Boi semental. A nosa fonte escribe *boi da jrícola*. Supoñemos que se trata dunha denominación temporal debida a que algunha asociación agraria, coñecida popularmente coma *A Agrícola*, tiña un boi semental para o servizo do gando dos seus asociados. (Oliv).

6170 **boi da cuberta** *s.comp.m.* Boi semental. (LG).

6171 **boi da parada** *s.comp.m.* Semental autorizado. (Com1, Fri., Gond., Ram.).

6172 **boi da posta** *s.comp.m.* Ver BOI DE POSTO 1 /6181. (Nove2).

6173 **boi da semente** *s.comp.m.* Boi semental. *O Pepe tiña unha noiva na veciña parroquia de Ourás, filla de labregos con nove vacas de leite, unha besta e un boi da semente* (XVP1:41). (Saiar, XVP1).

6174 **boi das vacas** *s.comp.m.* Boi semental. (Boi., Buga-N, Caa., Callo., Ces., Codeso., Ctel1, Cur1, Dúas, Gui., Lago, Leir-A, Meira2, Mondo2, Mra., Pedro., Penela, Tab1, Vala1, Vi-Val.).

6175 **boi de armallar** *s.comp.m.* Boi semental, para cubri-las vacas. (Cervá2).

6176 **boi de caste** *s.comp.m.* Boi semental. (Fol-C).

6177 **boi de compañía** *s.comp.m.* Boi semental para as vacas do lugar. O informante, que amplía o uso desta voz a Dozón, Rodeiro e Lalín, engade que cada ano o cría unha familia distinta e que se renova tódolos anos para evitar que collan vicios de comportamento, aproveitando o diñeiro da venda dun para merca-lo seguinte. (Dozón).

6178 **boi de cuberta** *s.comp.m.* Boi semental. (Mez.).

6179 **boi de cubrir** *s.comp.m.* Boi semental. (LG).

6180 **boi de parada** *s.comp.m.* Boi semental. (Burgo, Consta., Frei., LG, Lous., Vilaf.).

6181 **boi de posto 1** *s.comp.m.* Boi semental. (Anca,

Aranga, Arca, Baíñas, Baña2, Cruído, LG, Macei., Pravio, Vi-Val.).

6182 **boi de semente** *s.comp.m.* Boi semental. (Ribe2).

6183 **boi de *puesto** *s.comp.m.* Ver BOI DE POSTO 1 /6181. *Nòs tuvemos bòi de puèsto dèzaoito anos* (Lourei2). (Arzúa4, CarbCo., Carr-C, Cerd2, Com1, Corb., Couso, Ctel1, Cunt2, Estr3, Fara., Fre., Frei., Gro4, Lourei2, Mondo1, Morga., Mosen., Peroxa, Sabu2, Sisan, Sob., Verdu., Vnova2, Vxoán, Zamáns).

6184 **boi deshonesto** *s.comp.m.* Boi semental. A nosa fonte escribe *boi de sanesto*. Corriximos esta expresión porque coidamos que hai aquí unha mala transcrición por non comprende-lo significado da palabra; supoñemos que o colector escribiu o que lle pareceu oír. (Meir.).

6185 **boi do Concello** *s.comp.m.* Ver TOURO DO CONCELLO /6198. (Gud5).

6186 **boi do inso** *s.comp.m.* Boi semental. (Cang3).

6187 **boi do posto** *s.comp.m.* Semental autorizado. A nosa fonte en Neves2 escribe *pasto* pero coidamos que é unha simple errata ó escribir. *Cando unha vaca está en celo, lévana ó semental, que curiosamente non se chama 'touro' senón 'boi do posto', coma os castrados, probablemente porque non se valora a bravura* (XRMF4:87). (Com1, Gond., Gui., Neves2, Noalla, Troán1, XRMF4).

6188 **boi do *puesto** *s.comp.m.* Boi semental. A expresión é tan común como híbrida. (Abe., Agro., Arzón, Beman., Bidu., Calo, Callo., Cam4, Carbal., Carde., Casal., Ces., Covas, Cruído, Cur., Estr4, Figue2, Lampón, Lous., Lucí, Medín, Neda, Negr2, Oroso2, Pade., Pal., Pedro., Piñor, Randu., Ribe2, Sende., Somo1, TapiaC, Vcova., Vedra, Verdía, Vmaior).

6189 **boi padre** *s.comp.m.* Boi semental. (Anseán).

6190 **boi para cubrir** *s.comp.m.* Boi semental. (Ctel3).

6191 **boi prás vacas** *s.comp.m.* Boi semental. Morai. anota *pras vacas*. Ctel3 dicía *boi para as vacas*. (Ctel3, Morai.).

6192 **boi sementar** *s.comp.m.* Boi semental. (Vtose.).

6193 **boi *semillar** *s.comp.m.* Boi semental. (Lampón).

6194 **boi *semilleiro** *s.comp.m.* Boi semental. (Busta.).

6195 **cucho das vacas** *s.comp.m.* Boi semental. (Razo).

6196 **cucho de *puesto** *s.comp.m.* Boi semental. As denominacións *cucho*, *cuxo* e *pucho* / *puchiño* aplicadas ó boi de posto son apreciativas por denominaren un animal adulto cun apelativo de animal máis novo. (Figue1, Fuxás, Grixoa, Lava., Pre.).

6197 **touro das vacas** *s.comp.m.* Boi semental. (Valad1).

6198 **touro do Concello** *s.comp.m.* Touro semental de propiedade comunal, destinado a cubri-las vacas dos veciños. *Non fallan pobos que tiveron 'touro do Concello', propiedade de tódolos veciños e que garda un diles, sosténdoo nos pastos comunás e quedándose pra sí co diñeiro que lle dan por cobril-as vacas de fora, xa que as do Concello non precisan pagar* (XLF:302). Laureano Prieto (Gud7) recólleo en castelán: *toro del Concejo*. (XLF).

6199 **touro do *puesto** *s.comp.m.* Boi semental. Forma híbrida cast.-gal. (Cam4).

6200 **xato das vacas** *s.comp.m.* Boi semental. (Rábade).

6201 **xato pa'las vacas** *s.comp.m.* Boi semental. A nosa fonte escribe *xa topa las vacas*. (Taboa.).

6202 ***toro das vacas** *s.comp.m.* Boi semental. Forma híbrida cast.-gal. (Sofán).

6203 ***toro de posto** *s.comp.m.* Boi semental. Forma híbrida cast.-gal. (Cubi2, Culle.).

6204 ***toro de puesto** *s.comp.m.* Boi semental. (Cervá1, Cervá2, CReis2, Lañas, Vala.).

6205 **certo** *adx.* [Boi] eficaz na fecundación da vaca. *Antes o boi era máis certo*. Continúa o noso informante dicindo que *a vaca en sazón era moi raro que fallase. Agora hai moitos fallos na enseminación*. (Noalla3).

6206 **colludo 1** *adx.* [Boi] semental. *Dolores do Burgo (de Guntín) tiña o boi colludo, que montaba as vacas toureiras do lugar e doutras aldeas. Por cada monta, a dona, cobraba un peso (1940)* (Cañiza3:115). (Bar-Co., Bolo, Cab., Cañiza3, Carr-G, Enxames, Peno., Sabu3).

6207 **culludo** *adx.* Ver COLLUDO 1 /6206. (Gro1).

6208 **enteiro** *adx.* [Animal] macho non castrado. A nosa fonte en Paradela refírese concretamente a un *xato enteiro*; Gud5, a un *boi enteiro*. (ERG, Gud5, Gud7, Parade.).

6209 **marón** *adx.* [Boi] semental. Tamén pode referirse a outros animais domésticos destinados á reprodución, coma o porco. Barre. recolle *xato marón*. XER faino proceder de *mare*: "carneiro sen capar, macho". *Cuntan que en Lillu, unha raposa mui lista, por certo, andaba á acexa tras dun xato marón cun tambullón varonil que, acingándose rítmicamente a cada paso que daba, despertara a engucia da carniceira raposa. Ésta non perdía movemento do péndulo, intuíndo que dun momento a outro había de desprenderse do agarradeiro e acabar nas súas gorxas* (Bierzo2:90). (Barre., Bierzo2, Burón, Cou4, Dis., Incio, Lan., Laxosa, LG, Mira., Ped1, Per., Samos3, Suarna, Vixoán., XER).

6210 **marondo 1** *adx.* Ver MARÓN /6209. A nosa fonte en VFrore escribe, cremos que erroneamente, *marando*; Baltar recolle *cuxo marondo* e Parade. *xato marondo*, indicando este último que xa ten 2-3 anos. (Baltar, Laiosa, Lemos1, Lemos2, Parade., VFrore., Vixoán).

6211 **semental 2** *adx.* [Boi] seleccionado para a reprodución. (Miñor2).

De antre o touro e o boi, navalla de capador/ coitelo de castrador. (VLLM:1,142) [50]
Do toro ó boi sólo vai un castrador. (VLLM:1,140)
Do toro ó boi, a navalla do castrador/capador. (VLLM:1,140) [51]
Entre o touro e o boi, o coitelo capador. (VLLM:1,142) [52]

Teño unha herba na horta
que lle chaman 'rompe-rompe',
teño un perico na corte
queira Deus que non te monte. [53]

Teño unha herba na horta
que lle chaman 'te-lo burro'
teno ti por muitos anos
cara de almallo colludo. [54]

Teño unha herba na ihorta
que lle chaman 'tente-burro'
tente ti por moitos anos
cara de almallo colludo. [55]

Teño unha iherba na ihorta
que se chama o 'tente-burro',
para ti falar comigho
cara de armallo colludo. [56]

O corazón do touro Barroso [57]

Unha vez era un señor e tiña unha vacada moi grande no monte. E entre as vacas un touro estupendo, grande, rubio, un auténtico semental, que logo valía máis el só có resto da vacada. Tiña alí unha casa para vivir e todo, e na casa vivía un pastor que llas alindaba. O propietario das vacas vivía abaixo, no val, pero tódalas tardes collía o coche e subía ver o criado. Chegaba e dicíalle:

- Boas tardes, meu pastor.
- Felices as teña vostede, meu señor.
- ¿Que tal me andan as vacas?
- Unhas gordas e outras fracas.
- ¿Comen herba?
- Verde e seca.
- ¿Beben auga?
- Turbia e clara.
- ¿E o touro Barroso?
- E o touro Barroso, gordo e fermoso.

E así unha vez e outra. O criado era fiel ó amo e levaba con el desde neno. Con que unha tarde xuntáronse nun bar o señor e mais un amigo, tamén outro ricachón. E cada un falou dos seus criados e, claro, este chufou o seu.

- Ème moi legal. Non me conta unha mentira por nada do mundo. Se algo fai mal, dimo de seguida. Confío máis nel ca en min mesmo.

- Apóstoche canto teño a que che conta unha -dixo o outro.

- Non conta.
- Conta tal. ¿Que apostas?
- Tódalas vacas que teño e ata o touro Barroso.
- Acéptocho. ¿E eu?
- Ti depositas nun banco o diñeiro no que valoremos o gando.

O outro señor tiña unha filla moi guapa, que estaba moi boa de Deus, e dille o pai:

---

[50] Llópiz: *D'antre*; recólleo de J. F. Losada, profesor veterinario. Ver nota ó mesmo refrán no capítulo 2. *Exterior*, epígrafe 2.1.5.3.2. *O boi*.

[51] Llópiz: *toro* (sic); recólleo de M. Castro en Sarria.

[52] Recólleo de B. Andrade, profesor veterinario.

[53] Camb1:87. Aínda que *perico* adoita empregarse para denominar un carneiro novo (Compostela, O Grove, Marín, Valadouro e Cedofeita), tamén se utiliza para designar a un becerro que intenta cubri-las vacas (Feás e Melide) e mesmo a un boi semental (Melide), segundo recolle C. García (*Glosario de voces galegas de hoxe*).

[54] SCHU5/2/157c. No texto: *teñ'unha, d'almallo.*

[55] SCHU5/2/157b. No texto: *teñ'unha, d'almallo.*

[56] SCHU5/2/157a. No texto: *teñ'unha, d'armallo.*

[57] XCARXM2:80-82. Rexistrado en Trobo, Begonte, e en Roman, Vilalba.

- Vaste para o monte, onde o Toñín, e se mata o touro Barroso e che dá o corazón, déixalle facerche o que el queira.

Foi ela no coche e chegou ó monte. Xa se ía facendo noite e púxose a chover que arroiaba. Arrimouse ó rapaz e:

- Se me deixaras durmir aquí.

- Coa noite que está, non a vou botar. Durma se quere.

El fixo lume na lareira para quecer un pouco e sentaron os dous, comeron algo e puxéronse a facer o conto. Ela tirou da saia para arriba e ensinoulle as pernas, cada vez un pouco máis, quitou a chaqueta e a camisa, e eso, quenta, quenta no rapaz ata que o quentou e el quería.

- Non, non che deixo sen que me entregues o corazón do touro Barroso.

- ¡Muller!

- Mira o que perdes –e subiu un pouco máis a saia.

- Pois matareino.

Matou o touro e deulle o corazón e deitouse con ela. Pasaron a noite xuntos e pola mañá ela marchou para a casa. O pai, nada máis que recibiu o corazón do touro, foi correndo levarllo ó amigo, dicíndolle:

- Este é o corazón do teu touro. Xa verás como o teu criado non ten valor a dicirche a verdade.

Mentres, o criado quedaba no monte. Chantaba a aguillada no chan, poñíalle por riba a capa, e dicíalle.

- Ti es o amo e eu son o criado. ¿Cómo che hei dicir cando chegues á casa e me digas: Boas tardes, meu pastor?

- Felices as teña vostede, meu señor.

- ¿Que tal me andan as vacas?

- Unhas gordas e outras fracas.

- ¿Comen herba?

- Verde e seca.

- ¿Beben auga?

- Turbia e clara.

- ¿E o touro Barroso?

- E o touro Barroso, gordo e fermoso. Pero eso é mentira e non o podo dicir. ¿Cómo hei facer para que non se decate?

Así pasou a tarde, repetindo o mesmo sen decidirse, ata que chegou o amo verdadeiro, que viña acompañado polo amigo. Entrou pola porta, facendo como que non sabía nada e dixo, coma sempre:

- Boas tardes, meu pastor.

- Felices as teña vostede, meu señor.

- ¿Que tal me andan as vacas?

- Unhas gordas e outras fracas.

- ¿Comen herba?

- Verde e seca.

- ¿Beben auga?

- Turbia e clara.

- ¿E o touro Barroso?

- Pois mire, meu amo, aínda que me castigue, voulle dicir a verdade –dixo o pastor, que era incapaz de mentir-. *Por unhas pernas brancas e un cono fermoso, eu deille morte ó touro Barroso.*

Vai o amo e dille.

- Hoxe es feliz. Por me contar a verdade acábasme de facer gañar unha fortuna.

E quitouno de pastor e deulle un emprego mellor.

7.3.2. Cubri-lo boi á vaca

Unha vez que sae en celo a vaca, o gandeiro lévaa ó boi para que este a fecunde. As denominacións do coito dos bovinos son específicas deles, porque así como hai unha certa aversión a dicir que unha muller

está preñada, expresión que a moitos lles resulta específica dos animais, así tamén resulta inusual denomina-la coito animal con palabras que se reservan, mesmo nun nivel vulgar, para os humanos [58] .

Como xa vimos, o normal era que o labrego común só tivese vacas e que só as casas máis podentes tivesen, ademais, bois, tanto para o carreto como para cubri-las vacas da casa. Pero era común que algún veciño tivese un boi para atende-las vacas do lugar, previo pago, ou a figura do *boi do concello*, de propiedade comunal aínda que mantido por un veciño determinado e que asistía gratuitamente ás vacas do lugar.

A monta da vaca en Guntín era un espectáculo público ó lado do camiño, no quinteiro de Dolores do Burgo, dirixido por unha filla (case sempre Pilara) acto que observaban os nenos dende os dous anos de idade. [59]

A falta de boi, quedaba a posibilidade de leva-la vaca en celo ó posto de inseminación, atendido por un veterinario que practicaba este servizo, ou de chamar a este para que o fixera na propia corte. Hoxe en día esta última forma é a única existente, e só para as pequenas explotacións, mentres que nas grandes é persoal da propia explotación a que practica a inseminación do seu gando.

6212 **atourada 1** *s.f.* Acto de leva-la vaca ó boi. *Cando se fai a 'atourada' -levar a vaca ó semental e asegurar o ciclo natural- cómpre intervir no proceso*. (LG:26.04.1998).

6213 **cobrición** *s.f.* Ver CUBRICIÓN /6215. (ERG).

6214 **cuberta 2** *s.f.* Acto da cubrición. (LG).

6215 **cubrición** *s.f.* Acción de cubri-lo macho á femia. (ERG, Gud7).

6216 **monta 1** *s.f.* Salto, acto da cubrición do macho na femia para fecundala. *Dolores do Burgo (de Guntín) tiña o boi colludo, que montaba as vacas toureiras do lugar e doutras aldeas. Por cada monta, a dona, cobraba un peso (1940)* (Cañiza3:115). (Común).

6217 **salto 1** *s.m.* Acto de cubri-lo boi á vaca para fecundala. (Abadín, Vil., XER).

6218 **silleira 5** *s.f.* Época de cubrición das vacas. (VLLM).

6219 **monta da vaca** *loc. s.* Ver MONTA 1 /6216. (Cañiza3).

6220 **abarbeitar 2** *v.* Cubri-lo touro [á vaca]. (CP, ERG).

6221 **aboar** *v.* Ver ABOIAR 1 /6222. (Com1).

6222 **aboiar 1** *v.* Xunta-lo touro coa vaca para que aquel a fecunde. As nosas fontes en Saiar e CReis2 escriben *aboyar*, e en Carde, *abollar*. (Agro., Caa., Cab., Carde., Casal., Ced., Com1, CReis2, ERG, Gond., Gro1, Gui., Gun., LG, Marín, Meir., Mon., Nove., Oroso1, Per., Sabu2, Saiar, Sob., Vala., Vilar, Vmaior).

6223 **aboiar 2** *v.* Levar [a vaca] ó boi. (CP, Per1).

6224 **abouxar** *v.* Dicir *bux, bux* para estimula-la vaca cando a levan a que a cubra o boi. A nosa fonte escribe *aboujar* e *buj, buj*. (Vilela-LU).

6225 **acabalar 1** *v.* Cubri-lo touro [á vaca]. (Arca, Grixoa).

6226 **achegar 1** *v.* Levar [a femia en celo] ó macho. (Gud5).

6227 **acheghar** *v.* Ver ACHEGAR 1 /6226. (Xun2).

6228 **almallar** *v.* Cubri-lo almallo [á vaca]. (Carb3, Com1, ERG, Lava., Lendo, Lestón, Noice., Sofán, Suevos).

6229 **amallar** *v.* Ver ALMALLAR /6228. (Pravio).

6230 **amontar** *v.* Ver MONTAR 1 /6246. (Valad1).

6231 **anexar** *v.* Fecunda-lo macho á femia. (Ver1).

6232 **aparear** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver APARELLAR 3 /6233. (ERG).

6233 **aparellar 3** *v.* Botarlle o boi [á vaca]. (ERG).

6234 **armallar** *v.* Ver ALMALLAR /6228. (Cervá1, Cervá2).

6235 **arrimar 2** *v.* Levar [a vaca] ó boi cando sae en celo. (Cam1).

6236 **asistir** *v.* Cubri-lo touro [á vaca]. (Gud., Suarna).

6237 **atender 2** *v.* Levar [a vaca] ó boi ou inseminala. O tempo de fertilidade dunha vaca, cando sae en celo, é limitado a unhas poucas horas. Por esa razón di o noso informante: *A vaca toura ten que ser rapidamente atendida, esto é, satisfeita*. (LG).

6238 **atourar 1** *v.* Levar [a vaca] ó touro (Morga., Nigr., Noal).

6239 **botar 5** *v.* Incitar ó boi para que monte na vaca. (ERG).

6240 **cobrir** *v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. A nosa fonte (Lobe.) escribe *cobril a vaca*. (Lobe., Parade.).

6241 **coller 3** *v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. Unificamos no infinitivo as diferentes formas que dan as distintas fontes: *collerla* (Rama.), *colléla* (Callo.), *collela* (Samos3). A mesma acción vista dende o punto de vista da vaca desígnase tamén como *coller* en tres lugares: Bar-Co. e Peroxa que recollen *colleu o boy* e MCouso: *estar collendo o boi*. (Bar-Co., Callo., Carr-C, MCouso, Peroxa, Rama., Samos3).

6242 **correr 2** *v.* Cubrir [o boi á vaca]. (Cur., Ped1).

6243 **cubrir 1** *v.* Montar [o boi á vaca] para fecundala. Utilízase tamén nas outras especies animais. (Común).

[58] Con todo en Arme. recollemos **joder* con este significado de "cubrir [o boi á vaca] para fecundala" e a nosa fonte escribe *judeuna*.

[59] Cañiza3:262.

6244 **entourar** *v.* Ver ATOURAR 1 /6238. (ERG).

6245 **envirillar** *v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. A. Otero recólleo con be, na entrada *embirillar*: "Llevar a feliz término un trabajo. *Ajina o embirillóu; embirillóuno ben*, en Paíme. También en Paíme tiene un significado obsceno, referido a animales". Deste último comentario de A. Otero é de onde deducímo-lo significado que lle damos. (Piquín).

6246 **montar 1** *v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. ERG aplícao só ó cabalo. Incluímos tamén *montouna o toro*, información que nos dá Dis. *Estaba un home cunha vaca nunha feira e resulta que había un toro cerca, da, daquela vaca, e a vaca estaba movida, e resulta que, vaise o toro e fixo averías, e montou na vaca* (XPP:69). (Común. ILG:162 (C:63, LU:33, OU:18, PO:45, GExt.:3)).

6247 **montare** *v.* Ver MONTAR 1 /6246. (Ces., Fózara, Fuxás, Razo).

6248 **parear** *v.* Ver APARELLAR 3 /6233. (ERG).

6249 **saltar** *v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. (Codeso., ERG, Frei., Rábade).

6250 **servir 1** *v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. *Existía o boi do concello, touro do servicio do lugar.* [...] *Entón o servicio do pobo é gratis; ós de fóra por servirlle a vaca, cobrábaselle, e o que o mantiña gardaba ese diñeiro* (Friei.:198). (Arroxo, Boi., Carr-G, Friei., Gud., Gui., Mez., PCal2, Suarna).

6251 **subir** *v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. (Incio, Negral, SComba, XER).

6252 **tomar 1** *v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. Noalla anota *tomouna o boy*. (Gun., Lampón, Noalla).

6253 **traballar** *v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. Unificamos no infinitivo as diferentes formas que dan as distintas fontes: *travallar* (Piñei2), *travallala* (Vrei.), *travallar a vaca* (Crendes), *traballar o toro a vaca* (Car2). (Car2, Ced., Crendes, Cur1, Leir-A, Piñei2, Vrei., XER).

6254 ***aparexar 3** *v.* Ver APARELLAR 3 /6233. (ERG).

6255 **bota-lo boi** *loc. v.* Facer que o boi cubra á vaca para que a fecunde. Santi.: *votar o boy*. CLam3: *botarlle o boi á vaca.* (Común).

6256 **bota-lo touro** *loc. v.* Ver BOTA-LO BOI /6255. (Gond.).

6257 **bota-lo xato** *loc. v.* Ver BOTA-LO BOI /6255. (Cal., XER).

6258 **bota-lo *toro** *loc. v.* Ver BOTA-LO BOI /6255. Consta.: *botar o toro á vaca*; Cast.: *botarlle o toro*. (Cast., Consta.).

6259 **botar cobertas** *loc. v.* Cubrir [o boi ás vacas] para fecundalas. (Parade.).

6260 **botar un salto** *loc. v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. A nosa fonte escribe *votoulle un salto a vaca*. (Abadín).

6261 **collela o boi** *loc. v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. (Carño2, Sabu3, Sisán).

6262 **collela o xato** *loc. v.* Ver COLLELA O BOI /6261. (Piñe.).

6263 **collela o *toro** *loc. v.* Ver COLLELA O BOI /6261. (PSil).

6264 **coller boi** *loc. v.* Ser cuberta [a vaca polo boi]. A nosa fonte escribe *colleu boy*. (Carr-C).

6265 **da-lo salto** *loc. v.* Cubrir [o boi á vaca] para fecundala. (Vil., XER).

6266 **ir ó boi** *loc. v.* Ser cuberta [unha vaca polo boi]. Unificamos nesta locución as diferentes formas que dan as distintas fontes: *foy o boi* (Carño2), *foi o boi* (Rib-S), *que va ao boi* (Ribe1), *ir a vaca ó boi* (Miñor2). (Carño2, Miñor2, Rib-S, Ribe1, Valad2).

6267 **levar á ganancia** *loc. v.* Levar [unha femia en celo ó macho] para que a fecunde. En Xun2 aplícaselle só á porca, non ós outros animais. LT2 aplícao a calquera femia doméstica (vaca, porca, egua etc). (LT2, Piquín).

6268 **levar ó boi** *loc. v.* Conducir [unha vaca en celo ata onda o boi] para que a fecunde. *Foi lebar unha bac'o boi e, i-o boi biña coas bacas, o boi biña coas bacas...* (Zolle). *E fóramos leva-la vaca ó boi, que tamén ten o Riveiro* (Muíño). (Común).

6269 **levar ó touro** *loc. v.* Ver LEVAR Ó BOI /6268. (LimiaB).

6270 **monta-lo *toro** *loc. v.* Cubrir [o boi á unha vaca] para fecundala. A nosa fonte escribe *montou o toro*. (Laxosa).

6271 **toma-lo boi** *loc. v.* Ser cuberta [unha vaca polo boi]. (Burela1).

6272 **traer ó boi** *loc. v.* Ver LEVAR Ó BOI /6268. ... *e nós viñéramos traer unha vaca ó boi aí a cas Riveiro*. (Muíño).

6273 **¡bux, bux!** *fórm.* Voz que se utiliza para estimula-la vaca cando a levan a que a cubra o boi. A nosa fonte escribe *buj, buj*. (Vilela-LU).

Cada día tres ou catro, acaban co almallo. (VLLM:1,137)
Cada día tres ou catro, chisgan ao almallo. (VLLM:1,137) [60]
Mete o toro no lazo, que axiña acaba o praxo. (VLLM:1,144) [61]

[60] Llópiz explica que *chisgar* é enfraquecer por esgotamento, e que o refrán alude ó exceso de cubricións a que se obriga a un boi do posto; que tamén se aplica figuradamente ó home mullereiro e acabado por este exceso. Recólleo de E. Borrás no Seixo, onda Ferrol.

[61] Llópiz: *praxo* (sic) ¿por *prazo*?; explica que o refrán seguinte figura con lixeiras vars. ortográficas en Bluteau. E engade: *Prevención con el buey padre cuando se aproxima la* silleira *o época de cubrición semental*.

Mete o toro no lazo, que axiña vén o prazo. (VLLM:1,144)
Vacas do monte non ten boi certo. (VLLM:1,155) [62]

Mandianes Castro [63], coincidindo cos contos que copiamos a continuación, dinos que son os homes os que levaban a vaca ó boi, pero eran as mulleres quen ían achega-la porca. Do mesmo xeito, *os homes atenden ás vacas e ás burras na paridela, e as mulleres ás porcas*, ou *o home acomeda ás vacas, e aos porcos acomédaos a muller*. Sen podermos asegurar que isto sexa a norma xeral, nas páxinas seguintes veremos algún exemplo do contrario: nenas que levan a vaca ó boi e mulleres que, coas súas fillas, eran as responsables do boi semental [64].

Aquí podemos ver un bo exemplo do reparto do traballo entre homes e mulleres. Parece obvio, buscando unha maior efectividade, que cada un saiba de antemán o traballo que lle corresponde, e así, dunha forma non escrita pero máis ou menos aceptada por todos, xorde unha división de tarefas segundo os distintos criterios, entre homes e mulleres, ou entre mozos e vellos.

Sen querermos entrar nunha discusión sociolóxica que podería levarnos moi lonxe, podiamos dicir [65] que neste reparto, hoxe superado –tamén máis ou menos-, os homes aran, cavan, segan a herba, mallan etc., mentres que as mulleres fan a comida, lavan, cosen e coidan dos rapaces, dos vellos e dos enfermos. Os homes quentan o forno e as mulleres amasan o pan. Os homes aran e as mulleres poñen a semente.

Araújo Iglesias [66], citando a Xaquín Lorenxo, retrotrae esta cuestión moitos séculos atrás:

> *Na Galicia celta xa se empregaba o arado. Xustino e Silvio Itálico fan referencia a el, especialmente o último, cando din que os homes soamente se dedicaban á loita e non a leva-lo arado, que era cousa de mulleres.*

Xaquín Rodríguez Campos [67] dános esta versión:

> *A industrialización da malla tamén reflicte o reparto do traballo entre homes e mulleres: estas non poden subir á máquina: os homes son os donos da técnica, da que quedan excluidas as mulleres. Os homes teñen conta da máquina e preparan o centeo e vanno metendo nela; as mulleres colócanse fóra da máquina e recollen a palla e o gran que vai saíndo (o destino do producto correspóndelle a elas: o pan para a familia e a palla para o gando). A técnica é sinónimo de innovación, proxección a fóra, mentres que a muller está proxectada a dentro, ó diario, ó de sempre.*

Unha vez máis esta monografía dá fe dun mundo que está desaparecendo, porque todo isto en 2010 está xa superado. A muller está vencendo con éxito o seu afastamento das máquinas. É certo que aínda é máis frecuente vela manexando un pequeno chimpín que un tractor potente; pero pouco durará, porque xa non é infrecuente ver mulleres guiando voluminosos autobuses urbanos.

Xa dixemos antes que o reparto social do traballo tamén atendía a criterios de idade. Así, os rapaces teñen na sociedade rural o seu papel predeterminado, e son os que chaman polas vacas ou levan o gando ó monte, labores que noutras ocasións desempeñan os vellos, cando xa non rexen para labouras de máis esforzo.

Outra actividade encomendada ós rapaces era a de recoller bosta polos camiños [68]:

> *Nos tempos do Alberte o cesto da bosta era tan esencial nunha casa coma a cesta da herba, o balde da auga ou a vara do gando. Unha das cousas que se lle traguian ós rapaces tan logo como podian rexé-lo era o cesto prá bosta.*

---

62 Llópiz: *ten*, que, aínda sendo infrecuente, tamén pode ser plural. Explica que, como andan pouco vixiadas, ó mellor cóbreas un macho descoñecido e de pouca calidade. Recólleo en 1946 en Bande e di que en sing. figura no *Rifoneiro minhoto*.

63 MMC1.

64 *Dolores do Burgo (de Guntín) tiña o boi colludo, que montaba as vacas toureiras do lugar e doutras aldeas* (Cañiza3:115). *A monta da vaca en Guntín era un espectáculo público ó lado do camiño, no quinteiro de Dolores do Burgo, dirixido por unha filla (case sempre Pilara) acto que observaban os nenos dende os dous anos de idade* (Cañiza3:262).

65 Nas liñas que seguen resumimos a Mariño Ferro (XRMF1:70).

66 Merca: 74.

67 XRC: 269-289. A idea que nos transmite Rodríguez Campos queda fielmente resumida nese tópico actual de que as mulleres non se levan ben cos manuais, como se fosen conceptos incompatibles.

68 GB2:57.

O señor cura e a nena da vaca [69]

O señor abade atopou na corredoira á nena da veciña que levaba unha vaca pola corda.
-E logo -díxolle- *¿Seica vas apasta-la vaca?* [70]
-Non, señor, lévoa ao boi.
-¿Que a levas ao boi? ¿E vas ti soia?
-¡Seica si!
-Daquela ¿é que non hai xente na casa?
-Hai os de sempre
-Pois eso quen o debía facer é teu pai.
-Meu pai non, señor, que non vale ¡ten que se-lo boi! [71]

O mesmo argumento aparece noutro conto recollido na Baña, A Coruña, por Cajaraville:

Don Robustiano e Manoliño [72]

Atopábase Don Robustiano, o noso cura, na porta da Casa Reitoral.

Nese intre pasaba Manoliño, coa vaca á corda, e Don Robustiano, que sempre foi moi vixueiro, berroulle:

-¡Ou Manoliño!, ¿e pra ónde vas?
-Vou coa vaca pró boi.
-¿I esa laboura non a podía faguere o teu pai, ho?
-Non, señore: ten que sere o boi. ¡Ei vaca pra diante!

O touro e a vaca [73]

Estaba un home cunha vaca nunha feira e resulta que había un toro cerca, da, daquela vaca, e a vaca estaba movida, e resulta que, vaise o toro e fixo averías, e montou na vaca e a vaca deulle un cutifún a un home, parece que mancou o home, e chegou o home e fixo, fíxolle ó do xato que lle iba facer, que lle iba acontecer, que lle iba pagar a cara, que lle iba mancar, e estaban así unha chea deles contando contos e saliu un señor que estaba caladiño, e dixo:

-Bueno ho, válghame Dios, o conto da vaca seino eu, seino eu, ¡carallo!, e logho.
-Pois cóntello á Guardia Civil, conta ho, conta o conto da vaca.
-Mire usté, un por ejemplo: usté é a vaca i eu [74] *son o boi, e mónteme usté, ¿que carallo de culpa ten o outro?*

Aparición [75]

A miña avoa [76] contaba que nunha ocasión, cando baixaba do monte, aparecéraselle [77] un touro moi bonito e que quería montarlle nunha das vacas que tiraban do carro. Como esto pasara nunha costa, tiña medo que escapasen as vacas co carro e comenzou [78] a berrar pra que o touro fuxise; pero este [79] non cedía. Nesto a miña avoa [80], asustada, dixo:

-¡Quieto, touro! ¡Dios mediante! [81]

---

69 MB-EG: 114. No orixinal nunca se usan os signos ¡ ¿
70 No texto: *Seica vas apastá-la vaca?*.
71 No texto: *tén que sé-lo boi!*.
72 MC:41. No texto: *berróulle*.
73 XPP:69-70. Recollido en Vilareda, Palas de Rei.
74 No texto: *i-eu*.
75 Tomámo-lo relato de GEG: *Aparición*, procedente da Estrada (Pontevedra).
76 No texto: *aboa*.
77 No texto: *se lle aparecera*.
78 No texto: *comenzóu*.
79 No texto: *éste*.
80 No texto: *aboa*.
81 No texto, sen signos de admiración.

Daquela, de repente, desapareceu [82] o animal. Este encanto aparecéuselle cerca de Outeiro da Mina.

7.3.3. Suxeita-la vaca

Dependendo do carácter da vaca e da súa docilidade, a vaca en celo acepta o boi ou se somete ás manipulacións da inseminación artificial de bo grado e sen ofrecer maior resistencia, ou ben necesita ser domeada para que estas operacións poidan realizarse con seguridade. Normalmente, se o gandeiro escolle ben o momento do celo para cubrir ou insemina-la vaca, case non será necesaria precaución ningunha; pero noutros casos comprirá suxeitala para que se deixe gobernar.

> *Si la vaca rehuye el toro, la persona que la ha conducido trata de sujetarla asiendo con una mano la soga y con la otra un asta. Si no es suficiente, se arriman a ella dos hombres más, uno por la derecha y otro por la izquierda, que ayudan a sujetarla con una mano en el lomo, y otra en el pecho. Las muy reacias se abocan. Se aboca una vaca introduciéndole en la nariz los dedos pulgar e índice de una mano y levantándole la cabeza; un hombre fuerte sujeta así a cualquier bicho.* [83]

No capítulo 9.3. *Accións e trebellos do gandeiro* recolleremos máis explicacións das diferentes formas de inmobiliza-la vaca, para este fin ou calquera outra exploración, xunto co vocabulario con que se designa esta operación.

7.3.4. A vaca cuberta

Rematado o acto da cubrición da vaca, o gandeiro debe deixar pasa-lo tempo para confirmar se houbo fecundación ou non. Actualmente hai métodos de exploración cada vez máis eficaces que permiten un diagnóstico de xestación precoz, pero antes tiñan que esperar meses para observar signos evidentes da preñez. Durante este tempo, aínda cando efectivamente a vaca non volvese saír en celo, signo de probable xestación, o gandeiro non podía ter certeza ningunha. Por esta razón, as voces que seguen denominan a vacas que foron cubertas pero que non consta que estean preñadas.

Evidentemente, se a vaca saíse en celo no mes seguinte, era evidente que estaba baleira.

6274 **almalla 2** *s.f.* Vaca cuberta. O nome vénlle do feito de ser cuberta por un almallo. (LG).

6275 **toura 6** *s.f.* Vaca cuberta pero non preñada. Quitamos esta voz da expresión *ser aínda toura*, aplicada a unha vaca cuberta pero que non empreñou. O informante non aclara se o antónimo sería *vaca* (*toura*, baleira; *vaca*, preñada). (LG).

6276 **aboiada 1** *adx.* [Vaca] que foi cuberta polo boi. As nosas fontes escriben *aboiada* en Anseán, Callo., Cerd2, CReis2, Estr3, Estr4, Fol-C, Lagar., Somo1, Somo2, C:24, LU:6; *abollada* en Buga-N, CarbCo., Cunt2, Gaxate, Guil2, Rib-E, Verdu.; e *aboyada* en Bolo e Peno. Pola súa banda, Com4 recolle *abogada* e Ortoño, *oboiada*, formas que consideramos erros evidentes. Non debe considerarse sinónima de preñada, aínda que a vaca poida estalo, xa que, en principio só se sabe que foi cuberta sen que polo de agora se manifeste a preñez. Así o explica un informante do Grove (Gro2): *estar aboiada* emprégase dentro do mesmo ciclo, antes de que volva saír en celo. Se volve saír no seguinte, fálase de *vaca baleira*, e, se xa non sae, de *vaca preñada*, aínda que ás veces resulte que non o estea. A mesma idea vese claramente na información recollida en Dozón, onde nos din que *a vaca está aboiada o día tal*. Estas diferenzas faranse con seguridade noutros puntos nos que localizámo-la palabra *aboiada*, pero non temos constancia diso, xa que a enquisa do ILG non entraba, loxicamente, en tales disquisicións. (Común. ILG (C:26, LU:6)).

6277 **aboialada** *adx.* Ver ABOIADA 1 /6276. (Busta.).

6278 **aboieada** *adx.* Ver ABOIADA 1 /6276. (Oroso2).

6279 **acuberta** *adx.* Ver CUBERTA 3 /6293. (Tab1).

6280 **almada** *adx.* Ver ALMALLADA /6282. Pode ser -e de feito, así o parece- un erro por *almallada*, pero cómpre observar que o mesmo informante (Razo) proporciona tres formas distintas: *almada*, *almayada* e *almallada*. (Razo).

---

[82] No texto: *desaparecéu*.

[83] Gud7:51.

6281 **almaiada** *adx.* Ver ALMALLADA /6282. A nosa fonte escribe *almayada*. (Razo).
6282 **almallada** *adx.* [Vaca] cuberta polo almallo. (Cabal., Carb3, Carde., Codeso., Cur1, Gui., Lañas, Lendo, Lestón, Negral, Noice., Parga, Pedro., Razo, Rus, Sob., Sofán, Suevos).
6283 **amallada** *adx.* Ver ALMALLADA /6282. (Cer.).
6284 **amontada** *adx.* Ver MONTADA /6296. (Valad1).
6285 **armallada** *adx.* Ver ALMALLADA /6282. (Antas3, Cab., Cervá1, Cervá1, Nive., Rendal, Santi.).
6286 **asistida** *adx.* [Vaca] cuberta polo touro. (Fol-LE, Val-LE).
6287 **atourada 2** *adx.* Ver ATOUREADA /6288. (Arzón, Boi., Borre., Ces., Corb., CTui, Dúas, Noal, Noia, Nove2, Vcova., Vil., Vnova2).
6288 **atoureada** *adx.* [Vaca] cuberta polo touro. (Arca, Arzúa2, Barre., Cang2, Com1, Couso, Dum., Fózara, Gud., Lamas, Lava., Morai., Morga., Mour1, Neves2, Penela, Taboa., Toba, Troán1, Verdu., VFrore., Xeve).
6289 **botada** *adx.* [Vaca] cuberta polo touro. (Damil, Mira.).
6290 **coberta 2** *adx.* Ver CUBERTA 3 /6293. (Gud., Oliv.).
6291 **collida 2** *adx.* [Vaca] cuberta polo touro. (Carr-C).
6292 **contada** *adx.* [Vaca] cuberta polo touro. Semella erro por *coutada* ou por *montada*. (TapiaC).
6293 **cuberta 3** *adx.* [Vaca] que xa a xuntaron co touro para que a fecundase. Sisán: *cuberta polo touro*; Baltar: *foi cuverta por o touro*. Zolle dá tamén esta voz para a vaca inseminada. (Arroxo, Baltar, Baña2, Carr-G, Conxo, Cubi2, Frei., Goián2, Laiosa, Mez., Mosen., Pedro., Sisto, Sisán, Troán1, Vala., Vala1, Veste., Vill-O, Viso2, Vixoán., Zolle).
6294 **cubierta 2** *adx.* Ver CUBERTA 3 /6293. A ditongación do e tónico é rasgo dialectal de Goián no que coincide co galego oriental. (Goián).
6295 **enmallada** *adx.* Ver ALMALLADA /6282. (Rábade).
6296 **montada** *adx.* [Vaca] cuberta polo touro. (Arme., Bas., Bidu., Calo, Carbal., Couce., Covas, Cruído, Lago, Medín, Meira2, Negra., Oza, Pal., Saiar, Salv3, Viso1, Viso2, Vixoán).
6297 **tourada** *adx.* Ver TOUREADA 1 /6298. (Cang3, Enxames).
6298 **toureada 1** *adx.* [Vaca] xa cuberta polo touro. (Cam4, Chan., Gud., Mon., Piñei2, Piñor, PSeca, Ribó, Sisto, Valen., Zamáns).
6299 **toureira 2** *adx.* Ver TOUREADA 1 /6298. (Goián).
6300 **traballada** *adx.* [Vaca] cuberta polo touro. (Ced., Xudán1).
6301 ***toreada** *adx.* Ver TOUREADA 1 /6298. (Baíñas, Vill-O).
6302 **acollida polo touro** *loc. adx.* Ver COLLIDA 2 /6291. (Neda).
6303 **agharrada polo boi** *loc. adx.* [Vaca] cuberta polo touro. A nosa fonte escribe *ajarrada*. (Dum.).
6304 **botada do boi** *loc. adx.* Ver BOTADA /6289. (Gond.).
6305 **cuberta do boi** *loc. adx.* Ver CUBERTA 3 /6293. (Gond., Incio, Mez., Vala.).
6306 **levada ao boi** *loc. adx.* [Vaca] cuberta polo touro. (Buga-A).
6307 **tomada polo boi** *loc. adx.* [Vaca] cuberta polo touro. (Consta.).
6309 **estar aboiada** *loc. v.* Estar cuberta [a vaca] polo touro. (Ribad.).
6310 **estar montada** *loc. v.* Estar cuberta [a vaca] polo touro. (SComba).
6311 **non te-lo virgo** *loc. v.* Ter ido xa [a vaca] ó touro. (Ctel1).
6312 **ser aínda toura** *loc. v.* Ter sido cuberta [unha vaca] sen saberse aínda se quedou preñada. (LG).
6308 **'tar aboada** *loc. v.* Ver ESTAR ABOIADA /6309. (Figue1).

A vaca na coitada, á mañá baldeira e á noite preñada. (RCI:141) [84]

7.3.5. A inseminación artificial

Remitímo-lo lector á epígrafe 8.9.1.4. do capítulo 8. *Patoloxía*, na que falamos das accións do veterinario relacionadas coa reprodución e describimos esta técnica.

Na próxima epígrafe 7.4.2. veremos algunha outra locución con referencia humorística á intervención do veterinario.

[84] No texto: *valdeira*.



Recollida de seme para a inseminación artificial.

6313 **enseminación** *s.f.* Inseminación. *Agora hai moitos fallos na enseminación*. (Noalla3).

6314 **inseiminación** *s.f.* Inseminación artificial. *¿E a tua de quen quedou preñada, do boi, ou do veterinario? A pregunta sigue en pé dende que veu a inseiminación artificial*. Con todo, temos dúbidas de se non estaremos ante unha errata do texto impreso. (MRP:23).

6315 **inzo 2** *s.m.* Seme que se lle pon á femia na inseminación artificial. *Leva a vaca pra pórlle o inzo*. Friei. explica que para cubri-las vacas había, antes, *boi do concello*, pero *hoxe faise máis por inzo* (Friei.:198). Orixinalmente, *inzo* significa semente; e *inzar*, reproducir, multiplicarse, cundir. Tamén temos *boi do inso* para designa-lo boi semental (Cang3). (Friei., Xun2).

6316 **semente** *s.f.* Seme empregado na inseminación artificial. *Cómpre ir coa vaca pra porlle a semente*. (Xun2).

6317 ***semilla** *s.f.* Ver SEMENTE /6316. (Común).

6318 **amañar** *v.* Inseminar artificialmente [unha vaca]. (Gro5).

6319 **enseminar** *v.* Inseminar artificialmente [unha vaca]. (Gond., Zolle).

6320 **inxectar 2** *v.* Inseminar artificialmente [unha vaca]. Cómpre lembrar que a inseminación artificial consiste en depositar unha dose de seme directamente nos cornos uterinos, para o que se utiliza unha cánula que semella unha longa xeringa. (Gond.).

6321 ***ensemillar** *v.* Ver ENSEMINAR /6319. (Gond., Vilaf.).

6322 **bota-las *semillas** *loc. v.* Ver ENSEMINAR /6319. (SComba).

6323 **empreñar [unha vaca] o veterinario** *loc. v. humor. pop.* Inseminar artificialmente o veterinario [unha vaca]. *Esta vaca empreñouna o veterinario*. (Común).

6324 **pó-la *semilla** *loc. v.* Ver ENSEMINAR /6319. (Gond.).

6325 **poñe-la inxección** *loc. v.* Ver ENSEMINAR /6319. (Gond.).

6326 **¡o veterinario xa vai vello!** *fórm. humor. pop.* Fórmula para designa-lo fracaso na inseminación artificial. (Mora4).

Se insemina en crecente, é diferente. Se insemina en mingoante, é semellante. (Gro5) [85]

[85] Este refrán, oído pola radio a José L. Lorenzo, alcalde de Tomiño, o 16.06.1988, alude ó sexo das crías que nacen por inseminación e parece indicar que, se se insemina en minguante, saen de sexo semellante. Non queda claro se é semellante ó da nai ou ó da cría anterior; pero, referido ós nenos, Antón Fraguas dá un refrán paralelo, que explicita que a semellanza e a diferenza refírense ó irmán anterior: *Si nace no menguante, o outro que veña sale igualante; si nace no creciente, sale diferente* (AFF1:23). Recollemos, finalmente, outra crenza tan estendida e tan falsa coma as anteriores, segundo a cal, se nun parto nace un macho, no seguinte será unha femia, e viceversa.

A Cuca [86]

Ó pai non tivo o placer de conocelo. Fora un touro maxistral de Castro Verde, medalla de ouro en varias exposicións, ó que os adiantos da tecnoloxía deshumanizaron reténdoo prá inseminación artificial. Tivo en troques a compensación de facer cría pra media España; pero nunca ningún fillo lle quixo como se lle debe querer a un pai.

7.3.5.1. A parada

Fóra de cando o gandeiro tiña os seus propios bois para atende-las súas vacas, situación pouco habitual, tiña que ir coa vaca en celo a onda o boi para fecundala. Polo que sabemos, esta acción facíase na casa do propietario do boi ou nun lugar acondicionado a propósito para iso, a *parada* ou *posto do boi*, a onde acodían os donos das vacas e o dono do boi con cadanseu animal. Neste lugar, mellor ou peor dotado, podía suxeitarse a vaca no potro e realiza-la cubrición con máis seguridade e dunha forma máis discreta. Coa aparición dos circuítos de inseminación artificial, os veterinarios seguiron utilizando estas instalacións para insemina-las vacas que, nas datas e horas concertadas, levaban os gandeiros que precisaban este servizo. Hoxe a inseminación realízase sempre na propia explotación e as poucas *paradas* ou *postos* que non se reconverteron para outros usos están abandonados e en estado ruinoso.

6331 **parada 1** *s.f.* Ver POSTO DO BOI /6333. Aínda que a significación desta palabra está clara e de forma unánime, créanos algunha dúbida de que orixinalmente a *parada* fose ese lugar xeográfico ó que se levaban as vacas para inseminalas, porque en Caritel esta palabra tamén designa os testículos: Ctel1 díxonos unha vez esta frase: *Mandeille unha patada na parada, que quedou no chan adoecido ben tempo*. Preguntado polo significado da *parada*, que nesta frase el aplicaba a un home, díxono-lo seguinte: *'na parada' dispensando a palabra, quere dicir 'nos collóns'*. (Común).

6332 ***puesto** *s.m.* Posto do boi. (Com1, Dum., Feás-A, Nove., Razo, Vala.).

6333 **posto do boi** *s.comp.m.* Establecemento onde se levan os sementais. Por ext. lugar onde se levan as vacas a seren inseminadas. (Com1, Gond.).

7.3.5.2. O paradista

6334 **paradista** *s.m.* Propietario ou encargado da parada do boi. Realmente, a nosa fonte define *paradista* como "var. de *parada*", que é o "lugar donde hay un semental", o que evidentemente é un erro. (Razo).

6335 **paradista do posto** *s.comp.m.* Ver PARADISTA /6334. (Gond.).

7.3.5.3. O potro

6336 **estagallo** *s.m.* Estaribel de madeira para inmobiliza-las vacas cando as cobre o boi. (Burón, LG, Piquín, Suarna).

6337 **potro** *s.m.* Mecanismo de madeira ou de ferro, afincado no chan, para inmobiliza-las vacas durante a inseminación. (Común).

6338 **tronco 2** *s.m.* Ver POTRO /6337. (PAre1).

6339 **xoto 3** *s.m.* Armazón fixo ó chan no que se suxeita a vaca para que a monte o boi. É voz dos Ancares. (XRMF4).

7.3.6. A vaca inseminada

Así como en 7.3.4. recolliamos voces para designa-la vaca que foi cuberta polo boi, sen discriminar se quedaran ou non realmente preñadas, a seguir recolleremos algunhas voces para designa-las vacas nas que se recorreu á inseminación artificial. Tampouco neste caso implica que se producise a concepción.

[86] XMC. Só copiamos agora un fragmento, pero reproducímo-lo conto completo no capítulo 16. *A vaca na literatura*.

6327 **enseminada** *adx.* [Vaca] inseminada artificialmente. (Gond.).
6328 **inxectada** *adx.* [Vaca] inseminada artificialmente. (Gond.).
6329 ***ensemillada** *adx.* Ver ENSEMINADA /6327. (Gond.).
6330 ***semillada** *adx.* Ver ENSEMINADA /6327. Aínda que a nosa fonte non o especifica, asumimos que se refire á inseminación artificial, debido a que *semilla* é palabra castelá de introdución recente neste campo como denominación case común do seme utilizado na inseminación artificial. (Leir-A).

7.4. A xestación

A duración normal da xestación nas vacas é de 270 a 285 días, cunha media de 280. É normal que a xestación se alongue varios días nas vacas primíparas.

Débese vixiar sempre a calidade do alimento (herba e penso) que recibe a vaca, se se quere asegura-lo éxito da xestación, porque unha boa alimentación repercute tanto nas manifestacións do celo coma no mantenza do embrión . De aí a frase *A vaca case, case, empreña pola boca* [87].

Pero tampouco sobran outras prácticas máis rupestres. Se non se discute a conveniencia dunha boa alimentación ou de escoller coidadosamente o momento da cubrición, os nosos gandeiros e algún veterinario explícannos que *favorece la concepción dar unas palmadas en el lomo de la vaca en cuanto el toro la ha cubierto; mejor, arrojarle en el mismo lugar un caldero de agua fría* (Gud7:51), noutros casos sabemos que lle botan no lombo lama ou mesmo bosta (Dozón), sempre coa intención de que, co frío, a vaca pandee e que *lle entre mellor a semilla*. Poden verse outros remedios populares nesta mesma liña no capítulo 8. *Patoloxía*, epígrafe 8.7.5. *Esterilidade e infecundidade*.

Taboada Chivite cita, sen explicar máis, que *el empleo de una ramita de abedul para hacer fecundas a las mujeres e incluso a las becerras es costumbre en Germania* [88].

Hoxe hai certa resistencia a referir a mulleres as voces *preñe* e *empreñar*; tendemos a usalas só para nos referirmos ós animais, maiormente ás vacas. Pero non sempre foi así: na cantiga 2024 do trobador Afonso Eanes do Cotón [89] e na 38002 do trobador Fernand'Esquío [90] aparecen esas dúas voces referidas a mulleres.

6340 **ventre 5** *s.m.* Eladio Rodríguez defíneo como "feto o preñado". (ERG).
6342 **preñasco** *s.m.* Ver PREÑAZO /6343. (Ribe2, Salv3).
6343 **preñazo** *s.m.* Ver PREÑEZ /6347. (Com1, Ctel1).
6344 **preñea 1** *s.f.* Ver PREÑEZ /6347. (Xun2).
6345 **preñén 1** *s.f.* Ver PREÑEZ /6347. (Piquín).
6346 **preñés** *s.f.* Ver PREÑEZ /6347. (Ctel1).
6347 **preñez** *s.f.* Estado e tempo de xestación. Crespo dáo como moi común. (CP, ERG).
6348 **preñisco** *s.m.* Ver PREÑEZ /6347. Dise na expresión *notarlle o preñisco* a unha vaca por palpación abdominal. (Gond.).
6349 **priñazo** *s.m.* Ver PREÑAZO /6343. (Sob.).
6350 **alombada** *adx.* [Vaca] preñada. No barallete. (Morei., XCC).
6351 **añada** *adx.* Ver ALOMBADA /6350. (Mond1).
6352 **apreñada** *adx.* Ver PREÑADA /6358. (Mra.).
6353 **collida 3** *adx.* Ver PREÑADA /6358. (Caban.).
6354 **empreñada** *adx.* Ver PREÑADA /6358. (LG).
6355 **pexa 3** *adx.* Ver PEXADA /6356. (LG).
6356 **pexada** *adx.* [Vaca] preñada. *Se xa non cera sabemos que está pexada ou pexa, isto é, preñada*. Llópiz recolle este adxectivo aplicado ás mulleres embarazadas: *Onde vai a pexada vai a súa cárrega*, *Onde vai a pexada van os seus doores*. (LG:15.03.1998).

---

87 JVP: 6-7.

88 "El culto a los árboles en Galicia" (XTC1:84). Taboada di que recolle a información de Eugen Mogk: *Mitología nórdica*. Barcelona, 1932.

89 *Veeron-m' agora dizer / dũa molher que quero ben, / que era **prenhe**, e já creer / non lho quig' eu per nulha ren; / pero dix' eu: -Se est' assi, / ôi-mais non creades per mi, / se a non emprenhou alguen [...] E digo-vos que m'é gran mal / daquesto que lhi conteceu, / ca sõo eu cord' e leal, / pero me dan prez de sandeu; / mais vedes de que ei pesar / daquel que a foi **emprenhar**: / de que cuidan que xa fodeu. / / Pero juro-vos que non sei / ben este foro de Leon, / ca pouc' á que aqui cheguei; / mais direi-vos ũa razon: / en mia terra, per boa fé, / a toda molher que prenh' é / logo lhi dizen: -Ten baron!* (B1581;V1113).

90 *A hũu frade dizen escaralhado / e faz pecado quen lh' o vay dizer / ca, pois el ssab' arreytar de foder, / cuyd' eu que gaj' é de piss' arreitado; / e, poys **emprenha** estas con que jaz / e faze filhos e filhas assaz, / ante lhe digu' eu ben encaralhado. / / Escaralhado nunca eu diria, / mays que traje ant' o caralho arreyte, / ao que tantas molheres de leyte / ten ca lhe pariron tres en hÛu dia / e outras muytas prenhadas que ten; / e atal frade cuyd' eu que muy ben / encaralhado per esto sseria. / / Escaralhado non pode sseer / o que tantas filhas fez en Marinha / e que ten ora outra pastorinha / **prenhe** que ora quer encaecer / e outras muytas molheres que fode; / e atal frade bem cuyd' eu que pode / encaralhado per esto seer* (B1604;V1136).

6357 **preña** *adx.* Ver PREÑADA /6358. (Común).

6358 **preñada** *adx.* [Vaca] cuberta polo touro ou inseminada e que dá positivo no diagnóstico de xestación. (Común).

6359 **preñe** *adx.* Ver PREÑADA /6358. CP recólleo da poesía medieval (Afonso Eanes de Cotón e Fernand'Esquío aplícano a mulleres) e nas Cantigas de Santa María, e engade: "dícese todavía en Montes-Figueroa". (CP, Lim1, Suarna).

6360 **servida** *adx.* [Vaca] preñada. O noso informante especifica que é "próxima a parir". (Casal.).

6361 **abarrigar** *v.* Formar barriga. Dise especialmente das femias preñadas. (Piquín).

6362 **aganar** *v.* Quedar preñada [unha vaca]. En principio sorprendeunos esta palabra, común en Galicia co significado de "asfixiar", e pensamos nun posible erro por *agarrar*, palabra, como se ve, moi estendida por toda Galicia co significado de "empreñar". Consultado Rodríguez Cruz, bo coñecedor do léxico da Gudiña, non nos confirma a existencia hoxe nin desta palabra nin de *agarrar* con este segundo significado pero, tendo en conta que na Gudiña din *ganar* por *gañar* e que a algunhas palabras lles poñen un *a* protético (*acarrexa* por *carrexa* etc.), coidamos que non se pode excluír que esteamos ante unha variante de *gañar* e que, polo tanto, este *aganar* sexa da familia de *ganancia* e do verbo *ganzar*. (Carr-G).

6363 **agarrar 1** *v.* Quedar preñada [unha vaca]. Ancares2 dá a forma *non agarrar*, co significado tanto de non quedar preñada a vaca como de realiza-la cópula con dificultade. (Común. Baíñas, Baltar, Barre., Ben., Boi., Caa., Cab., Cabal., Callo., Cang3, Carño2, Com1, Cur., Dum., Feás-A, Fri., Goián, Gui., Gun., Laxe, Lous., Mon., Mondo1, Negral, Oirós, Ped1, Penela, Piñor, Pravio, PSeca, Razo, Rib-E, Samos3, Sisto, Sob., Suarna, Troán., Vala., Vala1, Val-LE, Vilaf., Viso1, Vi-Val., Vixoán, Xudán1).

6364 **agharrar 1** *v.* Ver AGARRAR 1 /6363. As nosas fontes escriben *ajarrar*. (Caa., Camba, Car2, Codeso., Cur1, Dúas, Eixo, Estr4, Figue1, Grixoa, Lago, Morai., Pedro., Rendal, Sofán, Viso2).

6365 **alombar** *v.* Preñar. No barallete. (Morei.).

6366 **apañar 2** *v.* Quedar preñada [unha vaca]. [A Castaña] *botóu no millo, fixo no outono, carrexóu no estrume, agradóu coas becerras, apañóu sempre á primeira...* (XVP1:18). (Anseán, Antas3, Com1, Cur., Dozón, Mon., Nove., Oirós, Sob., Tab1, XVP1).

6367 **apreñar** *v.* Ver EMPREÑAR /6371. (Mra.).

6368 **cargar** *v.* Quedar preñada [unha vaca]. (Mondo2).

6369 **carretar** *v.* Leva-la preñez. *¿Cantos meses carreta?* (Piquín).

6370 **coller 4** *v.* Quedar preñada [unha vaca]. (Com1, Toba).

6371 **empreñar** *v.* Quedar fecundada [unha vaca]; inicia-la xestación. (Común. ILG:148 (C:68, LU:31, OU:15, PO:33, GExt.:1)).

6372 **empreñare** *v.* Ver EMPREÑAR /6371. (Ces.).

6373 **enxermar** *v.* Quedar preñada [unha femia]. *Está enxermada de catro meses*. Isto evoca o *enjambrar* que VGR recolleu co mesmo significado no Bierzo (*Ya enjambró*) e engade que tamén se di dos que veñen de casar (*enjambraron pronto*). (Incio1).

6374 **ganzar** *v.* Empreñar. A palabra *gaanza* e o verbo *gançar* son frecuentes na documentación medieval co valor de "gañar, adquirir". (Amandi).

6375 **preñar** *v.* Ver EMPREÑAR /6371. (Común: Alence, Ancares2, Arme., Arroxo, Bidu., Buga-A, Burela1, Cadrón, Calo, CarbCo., Carde., Carr-C, Casal., Cervá1, Cervá2, Com1, Dum., Fol-LE, Gaxate, Goián, Grixoa, Gud., Gui., Guil2, Incio, Lampón, Leir-A, Lobe., MCouso, Morga., Negra., Negral, Noal, Pal., Porto, Ram., Rama., Randu., Razo, Ribad., Sabu2, Vala., Valad1, Vil., Veste., Vtose., Xun., Zamáns).

6376 **restrebar 2** *v.* Empreñar axiña [a femia de calquera animal]. As nosas fontes escriben *restrevar*. (ERG, MVN).

6377 **andar no preño** *loc. v.* Estar preñada [unha vaca]. (Parade.).

6378 **estar de barbeito** *loc. v.* Estar [a vaca] preñada por primeira vez. Denomínase así quizais porque nesa época non produce nin traballa. (San.).

6379 **estar preñada** *loc. v.* Estar grávida [unha vaca]. (Agro., Suevos).

6380 **levantarse a ganancia** *loc. v.* Quedar preñada [unha vaca ou calquera outro animal]. (Ver1).

6381 **levar cría** *loc. v.* Estar preñada [unha vaca]. (LG).

6382 **quedar aganzada** *loc. v.* Ver QUEDAR AGARRADA /6383. (LG).

6383 **quedar agarrada** *loc. v.* Quedar preñada [unha vaca]. (LG).

6384 **quedar preñada** *loc. v.* Empreñar [unha vaca]. *Pois non sei porque que se extraña, díxome un veciño: calquer labrego ofrécelle unha ducia de bombas á Santa Mariña se é que a vaca lle queda preñada* (MRP:23). (MRP, Oroso2, Vrei.).

6385 **quedar preñe** *loc. v.* Ver QUEDAR PREÑADA /6384. (Xudán1).

6386 **quedar preñé** *loc. v.* Ver QUEDAR PREÑADA /6384. (Gond.).

6387 **ser aberta** *loc. v.* Ser fértil, fecunda, [unha vaca]. *Se xa non cera sabemos que xa está 'pexada' ou 'pexa', isto é, preñada. En definitiva, a res é 'aberta', ou sexa, fecunda*. (LG:15.03.1998).

6388 **ser preñada segura** *loc. v.* Estar certamente preñada [unha vaca]. (Ctel1).

Ao rico empréñalle a besta e maila vaca; e ao probre, a muller e a gata. (EGE:59) [91]

Cala ti, vaca preñada,
filla dunha empreñadeira,
andas ti máis apalpada
que os figos dunha figueira. [92]

¿Que cousa, cousiña é,
que pasa o río e non molla o pé? [93]

¿Que é, que é,
pasa na ribeira
e non molla o pé? [94]

¿Que é unha cousiña cousa,
pasa o río e non se molla? [95]

¿Qué é unha cousiña cousa
que pasa o río e non se molla? [96]

Un animal con oito pernas
que pasa o río e molla catro. [97]

7.4.1. A xestación por monta natural

Resulta evidente que tódalas voces que se citaron no apartado anterior para denomina-la xestación da vaca se aplicarán indistintamente se foi froito da monta natural ou se foi consecuencia da inseminación artificial. Os informantes que proporcionaron este vocabulario denominan así o resultado sen especifica-lo procedemento seguido. Pero a continuación separamos outro grupo de voces que se utilizan exclusivamente cando a xestación se produciu por monta natural e, máis adiante, un terceiro grupo para aquelas voces que designan especificamente a xestación por inseminación artificial.

6389 **aboiar 3** *v.* Quedar preñada [unha vaca]. (Couso).
6390 **colle-lo *toro** *loc. v.* Quedar preñada [unha vaca]. (Conxo, Corb).
6391 **enxendrar do boi** *loc. v.* Ver ESTAR PREÑADA DO BOI /6393. (Gond.).
6392 **estar do boi** *loc. v.* Ver ESTAR PREÑADA DO BOI /6393. *-¿De que boi di que está? -Eu non dixen aínda nada, pero estalle do Celistro do Carballal. -Logho si que é certo que está preñada, ho, ese non as deixa marchar de baleiro* (XVP2:146). O autor deste relato informounos de que neste caso *Celistro do Carballal* era o nome do dono do boi, feito que resalta a identificación entre o dono e o propio animal. (Común).
6393 **estar preñada do boi** *loc. v.* Estar en xestación [a vaca] que empreñou naturalmente. (Común).
6394 **levar** + (núm.) + **meses de boi** *loc. v.* Estar preñada [unha vaca] de tantos meses. (Ctel1).
6395 **quedar do boi** *loc. v.* Ver ESTAR PREÑADA DO BOI /6393. (Común).

A vaca na coitada, á mañá baldeira e á noite preñada. (RCI:141) [98]
Vacas do monte non ten boi certo. (VLLM:1,155) [99]

7.4.2. A xestación por inseminación

6396 **preñada da *semilla** *loc. adx.* [Vaca] preñada como consecuencia da inseminación artificial. (Gond.).
6397 **empreñar da *semilla** *loc. v.* Empreñar [unha vaca] como consecuencia da inseminación artificial. (Gond.).
6398 **enxendrar da *semilla** *loc. v.* Ver PREÑAR DO VETERINARIO /6341. (Gond.).

91 EGE: *e máis*.
92 Lama2:193.
93 PM:709: O xato no ventre da súa nai preñada, ou tamén a raiola do sol. APG:142 dá unicamente esta segunda solución para unha fórmula case idéntica: *¿Que cousa, cousiña é/que entra no río/e non molla o pé*?
94 O xato no ventre da súa nai. APG:89.
95 O xato no ventre da súa nai. APG:89. No texto: *Qui-é, ríu.*
96 A cría na barriga da nai. Gud5:26.
97 A vaca preñada. PM:76.
98 No texto: *valdeira*.
99 Ver nota a este refrán na epígrafe 7.3.2. *Cubri-lo boi á vaca*.

6399 **enxendrar do veterinario** *loc. v.* Ver PREÑAR DO VETERINARIO /6341. *A Teixa enxendrou do veterinario pero a Cuca houbo que levala ó boi*. (Gond.).

6400 **gustarlle o mozo [á vaca]** *loc. v.* Empreñar [a vaca] por inseminación artificial. O *mozo* é naturalmente o veterinario. (Gond.).

6341 **preñar do veterinario** *loc. v. humor.* Quedar preñada unha vaca trala inseminación artificial realizada por un veterinario. *E a tua de quen quedou preñada, do boi ou do veterinario?* (MRP).

6401 **quedar da *semilla** *loc. v.* Ver PREÑAR DO VETERINARIO /6341. (Gond.).

6402 **ser da *semilla** *loc. v.* Ser [un becerro] produto da inseminación artificial. (Gond.).

Vaca cagada, vaca preñada. (RCI:141; VS) [100]

7.4.3. Diagnóstico de xestación

Dado que o gando doméstico se cría para producir carne, leite ou traballo co que soste-la economía familiar, compréndese o interese económico que representa a súa reprodución, para obter novos exemplares que se poidan vender ou que aumenten a facenda. Por iso pon o gandeiro tanta atención no manexo dos seus adultos –reprodutores-, na súa alimentación e nas enfermidades que poidan compromete-la súa fertilidade.

O gandeiro vixía a aparición dos celos e procede a leva-la vaca ó boi para que empreñe. E cómpre confirma-la preñez canto antes para descartar que a ausencia posterior de novos celos se deba a algunha enfermidade. Xa vimos que unha vaca aboiada ou inseminada que non volve saír en celo pode estar preñada ou non.

Os métodos de diagnóstico de xestación son diversos e de fiabilidade moi diferente. A seguir veremos só os que utiliza o gandeiro tradicional, baseados na súa experiencia e só aplicables en estados avanzados de xestación, polo que a súa eficacia é ben escasa: confirmar que a vaca está preñada ós 5-7 meses despois de ser cuberta, polos movementos do feto ou porque comece a botar *cera*, é un risco que hoxe ninguén se pode permitir. Unha gandería minimamente produtiva ten que buscar e confirmar un diagnóstico o máis pronto posible. Na epígrafe 8.9.1.4.2. verémo-los métodos técnicos, moito máis seguros e precoces, que emprega o veterinario

6403 **apalpar 2** *v.* Gramarlle [o gandeiro á vaca] no illar dereito para diagnosticarlle a xestación. (Cam2).

6404 **divisar 1** *v.* Examina-lo *diviso* -resina ou cera- que deita a vaca para saber se está preñada. (Ram.).

6405 **da-la cría** *loc. v.* Notárselle [á vaca] que está preñada pola resposta do feto á presión na parede abdominal. *-Pois non é marroa, señor, que está preñada de meses, ¡mira que ben entende! -¿Xa dá a cría? -Debe dar, non sei* (XVP2:146). (Ctel1, Pantón, XVP2).

6406 **encontra-la cría** *loc. v.* Ver DA-LA CRÍA /6405. (Cam1).

6407 **nota-lo preñisco** *loc. v.* Diagnostica-la xestación [dunha vaca] por palpación abdominal. (Gond.).

6408 ***conocerse de apreñada** *loc. v.* Notarse a xestación [dunha vaca] pola inchazón do ubre. (Mra.).

7.4.3.1. Signos da xestación

6409 **candea 2** *s.f.* Ver CANDIÓN 2 /6410. (Parade.).

6410 **candión 2** *s.m.* Limosidade que bota [unha vaca] pola vulva cando está preñada. *Vai preñada, que tirou o candión*. (Parade.).

6411 **limada** *adx.* [Vaca] que bota limos pola vulva nas proximidades do parto. (TCha).

6412 **pechada** *adx.* [Vaca] que manifesta un retraemento da vulva como consecuencia da xestación. (Gond.).

6413 **buli-la cría** *loc. v.* Ter [a vaca] os primeiros síntomas da xestación a partir do quinto mes, consistente en se poderen notar xa os movementos fetais. (Gond.).

6414 **da-lo leite de xatos** *loc. v.* Estar preñada [unha vaca]: deixar de botar cera e empezar a botar leite. (LG).

6415 **estar de leite** *loc. v.* Estar preñada [unha vaca], o que se comproba se non bota *cera* polos tetos.

[100] Coidamos que a explicación deste refrán pode estar en que baleirar de feces o recto, operación coa que se inicia a inseminación, facilita as manobras do inseminador e dá maiores garantías de éxito.

Se, ó facer esta operación [apretarlle o ubre], *sae un líquido viscoso e transparente, indica que a vaca non está de leite, ou sexa, que non vai ter crías*. (LG:26.04.1998).

6416 **estar pechada** *loc. v.* Ter [unha vaca] a vulva retraída como signo de xestación. (Gond.).

6417 **ter fluxos** *loc. v.* Expulsar [unha vaca] fluxos pola vulva como consecuencia de trastornos na xestación. (Gond.).

Vaca deslimada, vaca preñada. (Gro5)
Vaca limada, ou quente ou preñada. (VS)
Vaca limada, ou saída ou preñada. (TCha:95; Antas4) [101]
Vaca mexada, vaca preñada. (Gro5; TCha:95)
Vaca sangrada, vaca preñada. (Dozón) [102]

7.4.4. Completa-lo período da xestación

Como xa dixemos, a duración normal da xestación nas vacas é de pouco máis de 9 meses: entre 270 a 285 días, cunha media de 280. Nas vacas primíparas resulta habitual que o parto se retrase varios días.

7.4.4.1. Remata-lo tempo

6418 **plazo** *s.m.* Remate do período de xestación. (Dis.).

6419 **fillada** *adx.* [Vaca] parida ou próxima a parir. (Mondo3).

6420 **propinca** *adx.* [Vaca] próxima a parir. Notable cultismo no que perdura o latín *propinqua*. (Suarna).

6421 **propinga** *adx.* Ver PROPINCA /6420. ERGa recolle en Meira a frase *estar propingos*, aplicado ós noivos que están próximos a casar. (Burón, LG, Piquín).

6422 **próuxima** *adx.* Ver PRÓXIMA /6423. (Mosen.).

6423 **próxima** *adx.* [Vaca] que xa rematou o período de xestación. Combina co verbo *estar*: *a vaca está próxima*. (Cunt2, Valad2, Viso1).

6424 ***complida** *adx.* Ver *CUMPLIDA /6425. (Valad2).

6425 ***cumplida** *adx.* [Vaca] próxima a parir. (Cadrón, Fol-LE, Vxoán.).

6426 **acabar** *v.* Completar [a vaca] o período de xestación. (Anca, Arme., Bolo, Carde., Goián2, Guil2, LG, Meira2, Peno., Santi.).

6427 **apoxar 1** *v.* Completar [a vaca] o período de xestación. (Vil.).

6428 **cerrar 2** *v.* Completar [a vaca] o período de xestación. (Ribó).

6429 **comprir** *v.* Ver CUMPRIR /6430. (Com1, Gui.).

6430 **cumprir** *v.* Completar [unha vaca] o período de xestación. (Cab., Carr-G, Gond., Lampón, Vala., VFrore.).

6431 **cheghar** *v.* Completar [a vaca] o período de xestación. A nosa fonte escribe *chejar*. (Medín).

6432 **despedir** *v.* Completar [a vaca] o período de xestación. (Callo., Saiar, Somo1, Somo2).

6433 **pezpor** *v.* Completar [a vaca] o período de xestación. Posiblemente esta estraña denominación teña que ver con *pez* que é o nome que se lle dá en PCal2 e Carbal. á cera ou líquido pegacento que segrega o ubre cando a vaca non está de leite e está preñada. ¿El será equivalente a *pór pez*? (Mez.).

6434 **poxar 3** *v.* Ver APOXAR 1 /6427. A nosa fonte en Piñor escribe nun sitio *poxar* e noutro *xa posa*. (Mez., Piñor, Ver1).

6435 **rematar** *v.* Completar [a vaca] o período de xestación. (Morga.).

6436 **servir 2** *v.* Completar [a vaca] o período de xestación. (Vcova.).

6437 **terminar** *v.* Completar [a vaca] o período de xestación. (Covas, Lous., Tab1).

6438 ***cumplir** *v.* Ver CUMPRIR /6430. (Común. ILG: 73 (C:21, LU:21, OU:8, PO:21, GExt.:2)).

6439 ***cumplire** *v.* Ver CUMPRIR /6430. (Ces.).

6440 **acaba-lo tempo** *loc. v.* Finaliza-lo período de xestación [unha vaca]. (Caa., Com1, Dozón, Goián, Incio, Oirós, Ped1, SComba, Sob. ILG:68 (C:46, LU:14, OU:1, PO:7)).

6441 **acaba-lo tempo de preñada** *loc. v.* Ver ACABA-LO TEMPO /6440. A nosa fonte escribe *acabar u tempu de preñada*. (Verdía).

6442 **acabarse o tempo** *loc. v.* Ver ACABA-LO TEMPO /6440. (Guil2).

[101] Tanto no momento do celo coma nas proximidades do parto, a vaca expulsa pola vulva unha limosidade característica que lubrifica as paredes vaxinais. No texto: *salida* (TCha e Antas4).

[102] O informante recolleuno en Pidre, O Sisto (Dozón) e explica que se refire ó limo sanguento que deitan as vacas ó final do celo.

6443 **cerra-lo tempo** *loc. v.* Completar [a vaca] o período de xestación. (Fara., Lamas, Piñei2, PSeca, Sabu3, Vrei.).
6444 **cumpri-lo tempo** *loc. v.* Ver CUMPRIR /6430. (Baltar).
6445 **despedi-lo tempo** *loc. v.* Ver DESPEDIR /6432. Viso1 e Viso2 recollen *despedir o tempo o ubre*. (Carño2, Viso1, Viso2).
6446 **despedirse o tempo** *loc. v.* Ver DESPEDIR /6432. (Ctel8).
6447 **despedirse os días 1** *loc. v.* Ver DESPEDIR /6432. (Ctel8).
6448 **espedir o tempo** *loc. v.* Ver DESPEDIR /6432. (CarbCo., Sabu2).
6449 **estar cheghada pa parir** *loc. v.* Completar [a vaca] o período de xestación. A nosa fonte escribe *chejada*. (Oroso2).
6450 **estar despedida** *loc. v.* Ver DESPEDIR /6432. (Ribad.).
6451 **estar do tempo** *loc. v.* Terse cumprido os nove meses de xestación [dunha vaca]. (Gond.).
6452 **estar para parir** *loc. v.* Presentar [unha vaca] os primeiros síntomas do parto. (Gond., Suevos).
6453 **estar por parir** *loc. v.* Ver ESTAR PARA PARIR /6452. O informante di simplemente *estar por*, pero supoñemos que ese é o lema correcto. (Com4).
6454 **face-lo tempo** *loc. v.* Completar [a vaca] o período de xestación. *Esta vaca parece que vai parir, xa fixo o tempo hai dous días* (Antas4). En Bar-Co: *xa fixo o tempo*; en Buga-A, Ces. e Oza: *fazer o tempo*. (Anseán, Antas4, Bar-Co., Buga-A, Ces., Noalla3, Oza, Piñe., Veste.).
6455 **fase-lo término** *loc. v.* Ver FACE-LO TEMPO /6454. (Abe.).
6456 **remata-lo tempo** *loc. v.* Ver FACE-LO TEMPO /6454. (Lañas).
6457 **te-lo tempo feito** *loc. v.* Ver FACE-LO TEMPO /6454. Aplícase tamén ás mulleres que están para dar a luz. (Com1, Gro1, LT2, Oroso2).
6458 **termina-lo tempo** *loc. v.* Ver FACE-LO TEMPO /6454. (Baña2, Culle., Neda, Noalla).
6459 ***compli-lo tempo** *loc. v.* Ver CUMPRIR /6430. (Mour1).
6460 ***cumpli-lo tempo** *loc. v.* Ver CUMPRIR /6430. (Cerd2, Corre., Dúas, Sisto, Valen., Verdu., Vmaior., Xeve).

7.4.4.2. Deixar de dar leite

A produción láctea, que alcanzou o máximo ós dous meses de xestación, vai diminuíndo paulatinamente segundo avanza a xestación. Para conseguir unha boa produción de leite na seguinte lactación cómpre seca-la vaca uns dous meses antes da data prevista para o parto [103]. Durante esta fase de *secado* prodúcese unha involución do tecido glandular do ubre, preparatoria da estrutura produtiva que asegurará a próxima lactación.

Cando o gandeiro pretende dete-la produción de leite, simplemente deixa de muxir. A retención láctea consecuente actúa premendo os alvéolos da glándula mamaria, que deixan de segregar leite. Resulta aconsellable prepara-la vaca reducíndolle a ración durante uns días, así como instaurar un tratamento antibiótico dirixido a previr unha mamite, principal problema neste período.

Rodríguez Cruz rexistra na Raia Seca que a ruda fai vir o leite das vacas e que o mesmo efecto se consegue dando de beber ó animal o propio leite pero non indica en que momento ou con que obxectivo aplica este remedio (Raiseca:248).

No vocabulario que segue procuramos discriminar aquelas voces que designan unha redución ou mesmo o cese da produción de leite por causa de calquera patoloxía, voces que clasificaremos nos distintos apartados do capítulo 8. *Patoloxía*, para deixar nesta epígrafe só as que se apliquen nesta fase voluntaria de secado, se ben é posible que nalgún caso non soubesemos interpretar correctamente as informacións recibidas.

6461 **casco 6** *s.* A nosa fonte defíneo como "vaca que deixa de dar leite". Supoñemos que se trata dun substantivo. (Morga., Ribad., Saiar, Somo1, Vxoán.).
6462 **casco seco** *s.comp.f.* Ver CASCO 6 /6461. (Agro., Estr4).
6463 **cansada 2** *adx.* [Vaca] que deixa de dar leite. (Bas., Zamáns).
6464 **cinlleira 3** *adx.* Ver SILLEIRA 3 /6490. (Nete.).
6465 **deleitada** *adx.* Ver DESLEITADA /6467. (PCal2).
6466 **descansada 1** *adx.* Ver CANSADA 2 /6463. (Bolo, Peno.).
6467 **desleitada** *adx.* [Vaca] que deixa de dar leite. (Alla2, Gaxate).
6468 **enxoita** *adx.* [Vaca] que deixa de dar leite. (Peroxa, PSeca, Ribe2).
6469 **escódega 2** *adx.* Ver ESCOXADA 1 /6470. Aníbal Otero dános para *escódega* a seguinte definición: "Escosa, 2 acep. Sólo se dice de la vaca// *Escueta*, en Álvare; *cinlleira* en Parrochas; *jinlleira*, en Devesa; *manía*, en Villaquinte; *mainiña*, en Quintáns (en Paredes, esta palabra significa 'vaca a la que le falta una costilla'. *Mermiña*, dícese de la vaca que tiene las costillas desiguales, en Pesqueiras)". Pero na entrada *enjalmada* dá esta definición:

[103] Nas vacas máis leiteiras aproveitan ata os 7-8 meses de xestación, adiantando o secado das menos produtoras ós 6-7 meses. As vacas rubias de antes, non seleccionadas e mal alimentadas, adoitaban secar de seu xa ós 4-5 meses.

"*Enjermada*, la vaca sin *jato*, *escódega*, dando leche, en Pesqueiras". O DRAE daba, ata a 21ª edición (1992), como segunda acepción da entrada *escosa*, a seguinte: "Ast. Aplícase a la hembra de cualquier animal doméstico cuando deja de dar leche". En edicións posteriores pasou a se-la primeira acepción e xa a aplica, "especialmente", á vaca. Clasificamos aquí esta voz asumindo que a vaca deixa de dar leite como fenómeno normal durante a última fase da xestación, pero debemos lembrar que en Suarna chaman *escódega* á "vaca non preñada e sen cría". (LG, Piquín).

6470 **escoxada 1** *adx.* [Vaca] que deixa de dar leite. En Asturias chaman *escosar* a deixar de dar leite unha vaca. (Xun.).

6471 **estiñada 2** *adx.* [Vaca] que deixa de dar leite. (Sabu3).

6472 **estraleitada 2** *adx.* Ver TRELEITADA 2 /6492. No capítulo 3.1. dedicado ás *Características positivas* podemos atopar esta mesma voz (e mailas paralelas *estreleitada* e *estreleixada*, probablemente erro de trascrición) co significado oposto ó que agora consideramos: vaca que segue dando leite despois de lle quita-la cría. Tamén temos *trasleita*, *trasleitada*, *treleitada* e *tresleitada*, co mesmo significado, aínda que agora vemos que tamén poden designa-la vaca que deixa de dar leite. (Poulo, Vviño).

6473 **estreleitada 2** *adx.* Ver TRELEITADA 2 /6492. (Frei., Viso1, Viso2).

6474 **estreleixada** *adx.* Ver TRELEITADA 2 /6492. Poida que sexa un erro por *estreleitada*. (Rama.).

6475 **maciña** *adx.* Ver MANIÑA 3 /6478. Pode ser un erro por *maniña*. (Laraxe).

6476 **mainiña 2** *adx.* Ver MANIÑA 3 /6478. (LG, Meis).

6477 **manía 3** *adx.* Ver MANIÑA 3 /6478. (Ced., Vila.).

6478 **maniña 3** *adx.* [Vaca] que deixa de dar leite. (Bar-Co., Camba, Dozón, Vala1).

6479 **mocexa** *adx.* [Vaca] que deixa de dar leite. Piquín dá como lema *moceja*. Chámano-la atención que o mesmo Aníbal Otero que define *moceja* como "*escódega*, la que está sin dar leche", traduza logo *moseja* como "bierva" (e *mosejar* como "mugir la vaca por la cría"), que o DRAE definía como "vaca que ha perdido o a la cual se ha quitado la cría y sigue dando leche". Noutras fontes atopamos tamén esta aparente contradición en denominacións paralelas da vaca que segue dando leite, como *moseixa* (Laxosa), *mosexa* (Ped1, Rib-S, Vixoán), *musega* (Incio), *musexa* (Vila.) e *musixa* (Suarna). E, polo contrario, outras denominacións da vaca que deixa de dar leite son *musexa* (Nove2), *musida* (Ribe1), *musixa* (Aranga, Xeve), *muxexa* (Alence), *muxida* (Vnova2) e *muxisa* (Mour1). (LG, Piquín).

6480 **musexa 1** *adx.* Ver MOCEXA /6479. (Nove2).

6481 **musida 2** *adx.* Ver MOCEXA /6479. (Ribe1).

6482 **musixa 1** *adx.* Ver MOCEXA /6479. (Aranga, Xeve).

6483 **muxexa** *adx.* Ver MOCEXA /6479. (Alence).

6484 **muxida 2** *adx.* Ver MOCEXA /6479. (Vnova2).

6485 **muxisa** *adx.* Ver MOCEXA /6479. (Mour1).

6486 **rastrera** *adx.* [Vaca] que deixa de dar leite. (Neda).

6487 **seca 1** *adx.* [Vaca] que non dá leite. (Buga-A, Caa., Com1, Dum., Laxe, Miñor2, Oirós, Ped1, Porto, San., SComba, Xun. ILG: 122 (C:61, LU:25, OU:13, PO:21, GExt.:2)).

6488 **secada** *adx.* Ver SECA 1 /6487. (Carde., Val-LE).

6489 **selleira 3** *adx.* Ver SILLEIRA 3 /6490. Lémbrese que *selleira* e *silleira* significan tamén "vaca non preñada". (Vmaior).

6490 **silleira 3** *adx.* [Vaca] que non dá leite. (ERG, LG, Per1).

6491 **sinlleira** *adx.* Ver SILLEIRA 3 /6490. (Caa.).

6492 **treleitada 2** *adx.* [Vaca] que deixa de dar leite. (CarbCo).

6493 **tresleitada 2** *adx.* Ver TRELEITADA 2 /6492. (Verdu.).

6494 **xinlleira** *adx.* Ver SILLEIRA 3 /6490. (Devesa, LG).

6495 **seca do leite** *loc. adx.* Ver SECA 1 /6487. (Xudán1).

6496 **alsar** *v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. (Vxoán).

6497 **arrear 3** *v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. (Cervá1, Cervá2).

6498 **cansar** *v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. (Carr-C, Morga., Mosen.).

6499 **chincar 2** *v.* Dar pouco leite [unha vaca], pingar nada máis. *Está chincando e non dá nada*. (ERGa, Meira1).

6500 **escoxar** *v.* Parar de dar leite [a femia] en parte ou de todo. *Escoxou de todo a vaca*. (LG, Xun2).

6501 **escoxarse** *v.* Secarlle o leite [á femia]. *Está escoxándolle o leite*. (Xun2).

6502 **estiñar** *v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. *A nosa vaca xa estiñou*. (Lobe., Lobi., Sabu2, Sabu3).

6503 **extreleitar** *v.* Ver TRELEITAR /6509. (Valad2).

6504 **parar** *v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. (Arme., Saiar, Teo).

6505 **repochar 2** *v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. (LG).

6506 **secar** *v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. Advirtamos que o cese da produción leiteira, o secado da vaca, é realmente un fenómeno provocado polo gandeiro na vaca preñada uns dous meses antes da data prevista para o parto. A produción láctea vai diminuíndo durante a xestación dun xeito natural ata que, no momento citado, debe interromperse para que a vaca poida recuperarse para a seguinte lactación. Entón, o gandeiro deixa de muxi-la vaca e retíralle totalmente a comida durante

un día completo, polo menos, o que provoca o cese total da lactación. É a esta operación á que se chama *seca-la vaca*. (Común. ILG:190 (C:90, LU:37, OU:19, PO:42, GExt.:2)).

6507 **secare** *v.* Ver SECAR /6506. (Ces., Leir-A, Pre.).

6508 **secarse** *v.* Ver SECAR /6506. (Carño2, Fol-LE, Piñor, Valad2).

6509 **treleitar** *v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. *A vaca treleitou*. (Ctel1).

6510 **arrea-lo leite** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. (Cervá1, Cervá2).

6511 **baixar no leite** *loc. v.* Producir [unha vaca] menos leite a consecuencia da xestación. (Gond.).

6512 **cansa-lo leite 1** *loc. v.* Ver CANSAR NO LEITE /6514. (Carr-C, Valad1).

6513 **cansar do leite** *loc. v.* Ver CANSAR NO LEITE /6514. (Viso1, Viso2).

6514 **cansar no leite** *loc. v.* Presentar [unha vaca] unha baixa na produción de leite, como consecuencia da xestación. (Gond.).

6515 **ergue-lo leite** *loc. v.* Ver ERGUERSE O LEITE /6517. (LG).

6516 **erguerse do leite** *loc. v.* Ver ERGUERSE O LEITE /6517. (Xudán1).

6517 **erguerse o leite** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. MVN escribe *erguers'ò lèite*. (Caa., Cab., ERG, MVN, Vala., XER).

6518 **estar de casco 2** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. (Cunt2).

6519 **estar enxel** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. *Inxel*, *enxela*, *inxela* son denominacións de vacas non preñadas. (Camba).

6520 **estar seca** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. (Rib-E, Salv3).

Miña nai voume casare
miña filla n'hai aceite
aghora pa máis carallo
a Cachorra non dá leite. [104]

6521 **irse a leite** *loc. v.* Ver IRSE O LEITE /6523. (Car2).

6522 **irse co leite** *loc. v.* Ver IRSE O LEITE /6523. A nosa fonte escribe *foise co leite*. (MCouso).

6523 **irse o leite** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. (Piñei2).

6524 **larghar o leite** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. A nosa fonte escribe *larjar o leite*. (Lago).

6525 **levantarse o leite** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca] como signo de xestación. En Fre. o noso informante recolle exactamente *levantada o leite*, forma tan anormal que supoñemos que se trata, na realidade, da forma que aquí recollemos. (Fre., Fri., Negra., Vala1, Vilaf., XER).

6526 **non baixa-la leite** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. (Car2).

6527 **non dar leite** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. A nosa fonte escribe *vaca que non da leite*, en Verdía. (Callo., Lañas, Oliv., Sende., Verdía).

6528 **parar de dar leite** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. (Cervá2).

6529 **quedar seca** *loc. v.* Ver SECAR /6506. (Covas).

6530 **retirarse o leite 1** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. A nosa fonte escribe *retirouxelle o leite*. (Baltar).

6531 **seca-lo ubre** *loc. v.* Ver SECAR /6506. As nosas fontes escriben *secoulle a ubre* (Agro.) e *secou u ubre* (Arme.). (Agro., Arme., Lago, Pravio).

6532 **secar no leite** *loc. v.* Ver SECAR /6506. (Gond.).

6533 **varrerse o leite** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca]. *Á vaca varréuselle o leite de todo, treleitou*. (Ctel1).

7.4.4.3. Crece-lo ubre antes do parto

Uns 15-20 días antes do parto pode apreciarse un aumento do volume do ubre, causado por un edema mamario que debe considerarse fisiolóxico, e que dá lugar a un ubre tenso e coa superficie brillante e quente.

6534 **enchedela** *s.f.* Medrío do ubre antes do parto. (LG).

6535 **ensollada** *adx.* [Vaca] que vai parir e ten o ubre inchado. *Sollo* é tamén unha denominación do edema mamario. (Feás-A).

6536 **acochar** *v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. Lémbrese que *cocho* (e *cochón* ou *cochorro*) son denominacións do ubre. (Antas3, Com1, Lava., Santi., XER).

6537 **alarghar** *v.* Ver ALARGA-LO UBRE /6568. A nosa fonte escribe *alarjar*. (Verdu.).

6538 **amoxar 1** *v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. Lémbrese que *amoxo* é o ubre. (Mez., Porto).

6539 **arremollar** *v.* Aumentar de volume [o ubre da vaca] pouco antes de parir. Lémbrese que *remollo* é ubre. (Arroxo, Burón, Cang2, Ced., Meira2, Neves2, Piquín, Suarna, Tabor., Troán1, Xudán1).

[104] SCHU6/2/1686. No texto: *n-hai, mais.*

6540 **arrollar** *v.* Ver ARREMOLLAR /6539. (Ben.).

6541 **aubrar** *v.* Crecer [o ubre da vaca] pouco antes de parir. A nosa fonte en Vilar. dáo como pronominal (*aubrarse*). *Cando a vaca 'aubra' -auméntalle o ubre- é sinal de levar cría* (LG:26.04.1998). (Abadín, Anca, Ben., Caa., Cab., Car2, Ced., Com1, Com4, Feás-A, Fre., Lago, Lamas, LG, Mondo1, Mra., Oirán, Pravio, Vala., Vala1, Vilar, Vi-Val., Vixoán., Vmaior).

6542 **aubrare** *v.* Ver AUBRAR /6541. (Ces.).

6543 **aumentar** *v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. (Covas, Cur., Medín).

6544 **cerrar 3** *v.* As nosas fontes definen como "crece-lo ubre da vaca algún tempo antes de parir". Pode ser que realmente estean designando o remate do período de xestación. (Bolo, Peno.).

6545 **cochar** *v.* Ver ACOCHAR /6536. (Camba).

6546 **correar** *v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. Ver ESTIRA-LAS CORREAS /6585. (Razo).

6547 **crecer** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver CRECE-LO UBRE /6577. Vrei. recolle *crecerlle*. (Cur., Dis., Vrei.).

6548 **despelgar** *v.* Crecer [o ubre da vaca] antes de parir. (Dozón).

6549 **divisar 2** *v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. Ignoramos se este *divisar* ten ou non realmente o mesmo significado có de "examina-lo leite da vaca para saber se está preñada" que xa temos rexistrado en Ram. e que nos parece máis coherente. (PSeca).

6550 **encocar** *v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. (Meira).

6551 **encher** *v. Ú. t. c. prnl.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. (Borre., Saiar).

6552 **enlousar 2** *v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir ou por mamite. Tamén se aplica á inflamación do ubre como consecuencia dunha mamite, e de feito temos voces semellantes co significado de mamite ou de edema mamario. (MCouso).

6553 **escoirar** *v.* Aumentar de volume [o ubre da vaca] como signo de preñazo. (Baltar, Burón, Estr3, Mour1, Oza, Piquín, Ribe1, Suarna, VFrore., Xeve).

6554 **espelgar** *v.* Ver DESPELGAR /6548. (Suarna).

6555 **espelgatar** *v.* Ver DESPELGAR /6548. (Suarna).

6556 **eubrar** *v.* Ver AUBRAR /6541. O colector da información di claramente *eubrra* pero comprobamos que era un caso máis de mala lectura do orixinal, que dicía *eubrar*. (Tab1).

6557 **medrar** *v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. (Busta., Caban., Carbal., Lous., Mondo2, Negr2, Piñei2, Pravio, SComba, Vtose.).

6558 **oubrar** *v.* Ver AUBRAR /6541. (Neda).

6559 **poxar 2** *v.* Afluí-lo leite ó ubre da vaca próxima a parir. (Melias, Xun2).

6560 **pulpeirar** *v.* Medra-lo ubre da vaca pouco antes de parir. (Bidu., Com1, LG).

6561 **remollar 2** *v.* Ver ARREMOLLAR /6539. (Vill-O).

6562 **repochar 1** *v.* Encherse [o ubre] de leite. Aníbal Otero defíneo como "detenerse o estancarse en un punto el agua u otro líquido, o la leche a la vaca: *Ten o remollo repochado*". Isto pode describir unha mamite ou un edema mamario, pero por similitude con outras informacións preferimos consideralo como un fenómeno fisiolóxico. (Piquín).

6563 **ubrar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver AUBRAR /6541. Poulo e Vviño din *empezar a ubrar*. En Ribe2 e Zolle, dano como pronominal (*ubrarse*). (Com1, Mel1, Ribe2, Sob., XER, Zolle. ILG: 48 (C:28, LU:9, OU:1, PO:10)).

6564 **ubrare** *v.* Ver UBRAR /6563. (Fuxás, Pre.).

6565 **ubrear** *v.* Ver UBRAR /6563. (Leir-A).

6566 **xuntar 2** *v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. Piñe di *empezar a xuntar*. (Chan., Piñe.).

6567 **acudir o leite ó ubre** *loc. v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. (Abe.).

6568 **alarga-lo ubre** *loc. v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. (Viso1).

6569 **alarghar o ubre** *loc. v.* Ver ALARGA-LO UBRE /6568. A nosa fonte escribe *alarjar o ubre*. (Gaxate, Viso2).

6570 **armar ubre** *loc. v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. (Val-LE).

6571 **aumenta-la ubre** *loc. v.* Ver CRECE-LO UBRE /6577. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Figue1).

6572 **aumenta-lo cochorro** *loc. v.* Ver CRECE-LO UBRE /6577. (PSil).

6573 **aumenta-lo correal** *loc. v.* Ver ESTIRA-LAS CORREAS /6585. (Oroso2).

6574 **aumentarse a ubre** *loc. v.* Ver CRECE-LO UBRE /6577. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Arme., Sisto).

6575 **crece-la ubre** *loc. v.* Ver CRECE-LO UBRE /6577. (Oroso1).

6576 **crece-lo cocho** *loc. v.* Ver CRECE-LO UBRE /6577. (Mon.).

6577 **crece-lo ubre** *loc. v.* Aumentar de volume [o ubre da vaca] no derradeiro mes da xestación. (Gud.).

6578 **enche-lo ubre** *loc. v.* Ver CRECE-LO UBRE /6577. (Carr-C, Morga., Ortoño).

6579 **encherse as correas** *loc. v.* Ver ESTIRA-LAS CORREAS /6585. (Parga).

6580 **estar aubrando** *loc. v.* Ver AUBRAR /6541. (Negra.).

6581 **estar fasendo ubre** *loc. v.* Ver FACER UBRE /6591. (Rama.).

6582 **estar ubrada** *loc. v.* Ver UBRAR /6563. (Ribad).

6583 **estar ubrando** *loc. v.* Ver UBRAR /6563. (Somo2).

6584 **estende-las golerpas** *loc. v.* Empezar a medrar [o ubre á vaca] pouco antes do parto. *Ja principia a extender as gulerpas*. (Acevo).

6585 **estira-las correas** *loc. v.* Crecer [o ubre da vaca] algún tempo antes de parir. (Rendal).

6586 **face-la ubre** *loc. v.* Ver FACE-LO UBRE /6587. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Callo., Couso, Fol-C, Frei., Viso1).

6587 **face-lo ubre** *loc. v.* Ver FACER UBRE /6591. (Arzón, Cab., Cervá1, Culle., LT2, Laxe, Medín, Ram., Razo, Rus).

6588 **facer cocho** *loc. v.* Ver FACER UBRE /6591. (Codeso., Pedro.).

6589 **facer leite** *loc. v.* Crecerlle [o ubre á vaca] algún tempo antes de parir. (Anseán).

6590 **facer remollo** *loc. v.* Ver FACER UBRE /6591. (LG).

6591 **facer ubre** *loc. v.* Medrarlle [o ubre á vaca] pouco antes de parir. (Cab., Fara., Laxe, Negral, Ram., Razo, XER).

6592 **facer ubreira** *loc. v.* Ver FACER UBRE /6591. (Dum., LG, XER).

6593 **faser ubre** *loc. v.* Ver FACER UBRE /6591. Buga-N e Verdía recolleron *faser ubre pra parir*. (Buga-N, Casal., Cruído, Lucí, Verdía).

6594 **formar carozo** *loc. v.* Crecer [o ubre á vaca] algún tempo antes de parir. (Pade.).

6595 **garda-lo leite** *loc. v.* Encherse [o ubre] co leite. (Dozón).

6596 **medra-la ubre** *loc. v.* Ver MEDRA-LO UBRE /6597. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Miñor2, Ribó, Salv3).

6597 **medra-lo ubre** *loc. v.* Crecer [o ubre á vaca] algún tempo antes de parir. CarbCo di *empezar a medra-lo ubre*. (Beman., Carb3, CarbCo., Consta., Damil, Grixoa, Mira., Noice., Rib-S, Sabu2, Sabu3, Valen., Vcova., Vixoán).

6598 **te-lo ubre cheo** *loc. v.* Ter crecido [o ubre á vaca] algún tempo antes de parir. (Alence).

6599 **te-los tetos arremollados** *loc. v.* Ter [unha vaca] o ubre inchado, distendido, nos días previos ó parto. Ver ARREMOLLAR /6539. (LG).

6600 **te-los tetos empadoados** *loc. v.* Ver TE-LOS TETOS ARREMOLLADOS /6599. (LG).

6601 **te-los tetos escoirados** *loc. v.* Ver TE-LOS TETOS ARREMOLLADOS /6599. Dise das vacas primíparas. (LG).

6602 **te-los tetos inchados** *loc. v.* Ver TE-LOS TETOS ARREMOLLADOS /6599. (LG).

6603 **ubrar ben** *loc. v.* Ver UBRAR /6563. (Baíñas, Carño2, Figue2).

7.4.4.4. Botar *cera*

En chegando ós nove meses da xestación pode observarse que as vacas segregan polos tetos unha secreción espesa, semellante a unha pomada ou a leite condensado, de cor amarelenta. Deste xeito os gandeiros intentan confirma-lo diagnóstico de xestación, xa que interpretan a presenza desa *cera* como proba de que está preñada.

6604 **apeso** *s.m.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. Descoñecémo-la categoría gramatical desta voz, que quizais poida ser adxectivo (*leite apeso*, ¿por *espeso*?), pero non nos parece seguro. (Carño2).

6605 **auga 1** *s.f.* Líquido viscoso que segrega o ubre das vacas cando están preñadas. Se non se disolve en auga, indica preñez. (Mira.).

6606 **augaxada** *s.f.* Ver AUGA 1 /6605. (Mondo2).

6607 **brea** *s.f.* Líquido viscoso que segrega unha vaca ó muxila, se non está de leite por estar preñada. (Baíñas, Cab., Cam4, Dum., Macei., Morai., Vtose.).

6608 **calustro** *s.m.* Ver COSTRO 3 /6613. (LG).

6609 **cera** *s.f.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite, ó apertárlle-lo teto. (Común: Alence, Anca, Aranga, Arme., Bar-Co., Ben., Burela1, Caa., Cab., Car2, Ced., Cervá1, Cervá2, Com1, Com4, Crendes, Ctel1, Cur1, Estr3, Fre., Frei., Guil2, Lago, Leir-A, Meir., Mosen., Mour1, Neda, Oirßn, Pade., Peroxa, Pravio, Ribe1, Santi., Vala., Valad2, Verdu.,Vilar, Vi-Val., Vmaior., Xeve, Zamáns).

6610 **cerea** *s.f.* Ver CERA /6609. (Abadín).

6611 **cerulla** *s.f.* Ver CERA /6609. (Neves2, Viso1, Viso2).

6612 **costre 2** *s.m.* Ver COSTRO 3 /6613. (Com1, LG).

6613 **costro 3** *s.m. Ú. t. en pl.* Líquido viscoso que segrega o ubre das vacas cando están preñadas e non están de leite. San. recolle a forma de plural *costros*. (LG, San.).

6614 **devixo** *s.m.* Ver DIVISO /6616. (Sabu3).

6615 **divisa** *s.f.* Ver DIVISO /6616. (Busta).

6616 **diviso** *s.m.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. *Divisar*, en Ram., é muxi-la vaca para examina-la secreción que botan para ver se é pegacenta ou non (e se así é, interpretan que está preñada) ou se se disolve en auga (o que interpretan como que non está preñada). Ram. define erroneamente como "leite da vaca cando está preñada". (Ram.).

6617 **ghromo** *s.m.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. A nosa fonte escribe *jromo*. (Codeso., Pedro.).

6618 **melez** *s.m.* Líquido viscoso que segregan as vacas se non están de leite cando se lles oprime o teto. (Porto).

6619 **mosto 1** *s.m.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. A denominación é metafórica. O mosto é o primeiro zume que deita a uva prensada, antes de ferver e, polo tanto, antes de ser viño. O mosto tamén é pegacento. (Lampón).

6620 **mostro** *s.m.* Ver MOSTO 1 /6619. (Ribó).
6621 **pegha 1** *s.f.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. A nosa fonte escribe *peja*. Coidamos que alude ó carácter pegacento desta substancia. (Ctel1, Gaxate, Viso1, Viso2).
6622 **pez** *s.f.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. Supoñemos que é denominación metafórica: a pez tamén é pegacenta. (Carbal., PCal2).
6623 **picarreiro** *s.m.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. (Nove2).
6624 **prenén** *s.m.* Ver PREÑÉN 2 /6626. (Gun.).
6625 **preñea 2** *s.f.* Ver PREÑÉN 2 /6626. (PSil).
6626 **preñén 2** *s.f.* Líquido que segrega o ubre da vaca antes de parir. (SComba1).
6627 **recina** *s.f.* Ver RESINA /6628. (Alence, Arroxo, Burón, Cerd2, Cere., Ces., CReis2, CTui, Fol-C, Gud., Noalla, Oliv., Ram., Rib-S, Sabu2, Saiar, Suarna, Troán1, VFrore.).
6628 **resina** *s.f.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. (Abe., Carr-C, Corb., Fol-LE, Sisán, Val-LE, Vill-O, Vnova2).
6629 **sebo 2** *s.m.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. (Beman.).
6630 **sera** *s.f.* Ver CERA /6609. (Borre., Morga., Rama., Randu., Sisán, Valad1).
6631 **serulla** *s.f.* Ver CERA /6609. (Cang2).
6632 **tiriso** *s.m.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. (Carr-G).
6633 ***aghuadilla** *s.f.* Ver *AUGADILLA /6636. A nosa fonte escribe *ajuadilla*. (Couce., Figue1).
6634 ***aguadilla** *s.f.* Ver *AUGADILLA /6636. (Barre., Callo., CarbCo., Cast., Com1, Damil, Vixoán).
6635 ***agüilla** *s.f.* Ver *AUGADILLA /6636. (Noal).
6636 ***augadilla** *s.f.* Ver AUGA 1 /6605. *Se non están de leite, ó apertarlles a mamadeira, botan un líquido claro e vesgoso, a augadilla, costre ou costro* (LG:26.04.1998). (LG, Mra.).
6637 ***aughadilla** *s.f.* Ver *AUGADILLA /6636. (Bas., Cur., Suevos).
6638 ***suero 2** *s.m.* Soro (líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite). (Bolo, Peno.).
6639 ***xoro** *s.m.* Soro. Ver *SUERO 2/6638. (Aranga).
6640 **brea de gordura** *s.comp.f.* Secreción das vacas que non están de leite e que non é pegacenta: indica que a vaca non está preñada. (Cam1).
6641 **brea de preñez** *s.comp.f.* Secreción das vacas que non están de leite e que é pegacenta, indicando que a vaca está preñada. (Cam1).
6642 **cera de preñada** *s.comp.f.* Ver CERA /6609. O noso informante tamén o escoitou por Vilaboa, Arcade, Soutomaior etc. (Simes).
6643 **costro peghañoso** *s.comp.m.* Ver LEITE PEGHAÑOSO /6647. A nosa fonte escribe *costro pejañoso*. (Arca).
6644 **leite cortada** *s.comp.f.* Cera da vaca. Máis que unha voz semella unha descrición, pois toma tal aspecto. (Baltar).
6645 **leite da preñea** *s.comp.m.* Ver LEITE DE PREÑADA /6646. (Lamas).
6646 **leite de preñada** *s.comp.m.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. A nosa fonte escribe realmente *prenada*. (Ribó).
6647 **leite peghañoso** *s.comp.m.* Líquido viscoso e transparente que segregan as vacas ó muxilas, cando non están de leite. A nosa fonte escribe *leite pejañoso*. (Sende.).
6648 **cerar** *v.* Botar cera [unha vaca], o que se interpreta como que non está preñada. *Unha vaca preñada deixa de bota-la cera. Se xa non cera sabemos que xa está pexada ou pexa, isto é, preñada* (LG:15.03.1998). (Cab., Ced., Ctel1, LG, Negra.).
6649 **costrear 2** *v.* Segregar *costro* ou *diviso* no caso de estar preñada [unha vaca]. *Pra saber se está preñada, mira-se se costrea*. (Parade.).
6650 **pexa-lo leite** *loc. v.* Segregar [unha vaca] a cera ou resina. (Abe.).

7.5. O parto


Ante os primeiros síntomas do parto, a vaca comeza a mostrar signos de desacougo e busca un lugar axeitado e tranquilo para o momento do parto. Cando vive en rabaño, sepárase do resto dos animais.

Salvo complicacións, a vaca pare de seu e sen precisar asistencia ningunha. Mesmo se admite que todo resulta mellor sen intervención humana. Comeza o parto coa apertura do colo do útero, a relaxación dos ligamentos pelvianos e a tumefacción da vulva, pola que sae abundante mucosidade lubrificante. Logo vén unha fase de dilatación, que dura unhas 2 horas, na que se aprecian os primeiros puxos, débiles, curtos e sen ritmo definido, que se corresponden con contraccións da musculatura do útero, primeiro, e da musculatura da parede abdominal, despois. Xa na chamada fase de expulsión, os puxos van aumentando en forza e cada vez son máis frecuentes, ata que asoma pola vulva a *bolsa das augas*, a bolsa do corion, que axiña rompe a

consecuencia dos esforzos e da presión. Enseguida aparece a cabeza e as mans do becerro e, tralo que parece ser un momento de descanso da vaca, sen facer forza, aumentan os puxos sobre a cría, que vai avanzando polo canal xenital ata que é expulsada. Esta fase de expulsión non debería supera-los 20 minutos. Finalmente, ó cabo dun tempo variable, tamén son expulsadas as envolturas fetais, as secundinas, rematando así o parto.

O habitual na vaca son os partos simples, aínda que non son infrecuentes os xemelares. Excepcionalmente pode parir 3 ou mesmo cinco becerros, pero os casos son tan raros que constitúen noticia da prensa [105].

Nada máis nacer, o becerro recibe inmediatamente as atencións da nai, que o lambe repetidamente coa intención de secalo, á vez que esa especie de masaxe estimula eficazmente á cría. Se a vaca non o lambe de seu, espontaneamente, bótase unha presada de sal sobre o becerro, para inducila a que o faga, ou o gandeiro procede a secalo cunha toalla, cun saco ou con palla. Ás poucas horas o becerro xa se dá mantido en pé e xa el busca o ubre da nai para empezar a mamar.



Desenvolvemento do parto (Xurxo Lobato: *No país das vacas*) (XLob).

[105] "Una vaca alumbra tres terneros en una explotación de Mazaricos" (VG2:2.04.2005); "Una vaca de un ganadero de Guntín tuvo cuatro terneros en un solo parto, aunque uno nació muerto" (VG2:18.11.2008). *Unha vaca trouxo 5 crías, un é macho e xa fai cría, quen os criará? A Marta non terá costre para tantos* (Carte3. http://www.empresas.mundo-r.com/anvi/op/novidades.htm [17.02.2006]).



Desenvolvemento do parto (Xurxo Lobato: *No país das vacas*) (XLob).

O momento do parto é un momento crucial e perigoso, tanto para a vaca como para a futura cría, e por tanto calquera gandeiro preocúpase de que non se presenten problemas. Unha cousa é que o máis habitual sexa un parto eutócico, sen complicacións e sen máis intervención do gandeiro cá de lle achegar unha boa calda á vaca rematado o parto, moitas veces enriquecida cunha botella de viño, e outra é que se despreocupe do que poida pasar.

A primeira preocupación debe ser prepara-lo lugar onde vai pari-la vaca. O ideal sería unha sala de partos propia, independente da corte, limpa, seca e desinfectada para cada parto, e dotada dos medios necesarios que permitan lavar e desinfectar tanto a zona vulvar e os útiles que se vaian utilizar, como as propias mans da persoa que vaia intervir. Moitos traumatismos e infeccións uterinas débense a unha hixiene defectuosa do lugar onde acontece o parto. Comezado este, desde tranquilizar á vaca durante as dores dos puxos, afalándolle ou acariñándoa, ata comprobar que as mans do becerro veñen ben colocadas ou asegurarse de que as ventas do recén nacido queden perfectamente limpas tralo parto, calquera axuda é boa. E se chega o caso, axuda a tirar do becerro para acelera-lo parto, el só ou coa axuda de veciños e mañosos; ou do veterinario, en casos extremos.

Moitos gandeiros botan man dalgunha axuda máxica, como a que recolleu Taboada Chivite en Monterrei, consistente en colgar do pescozo ou entre os cornos un escapulario cun fragmento de ara de altar (XTC3:43).

7.5.1. Parir

6651 **abarbeitar 1** *v.* Parir [unha vaca] tódolos anos. (Feás-A, Mel1, San.).

6652 **librar 1** *v.* Parir. Tamén se di das mulleres. (Común).

6653 **parir** *v.* Expulsa-lo feto en circunstancias normais, completamente desenvolvido e rematada a xestación. (Común).

6654 **restrebar 1** *v.* Parir dúas veces [unha vaca] nun mesmo ano. Aníbal Otero e Eladio Rodríguez escríbeno con uve. Este último defíneo como "concebir pronto la hembra de cualquier animal. Dícese de las vacas, que todos los años dan cría". (Barcia, ERG, LG, Made., Piquín).

6655 **bota-lo vitelo** *loc. v.* Parir [unha vaca]. (Mez.).

6656 **dar para parir** *loc. v.* Poñerse de parto [unha vaca ou outro animal]. *Teño medo que lle dea pra parir esta noite, anda facendo a cama*. (Antas4).

6657 **parir ben** *loc. v.* Ter [unha vaca] un parto eutócico. (Gond.).

A unhos abórtanlle as vacas, a outros párenlle os bois. (Gud5:112) [106]

[106] No texto: *abortanlle*.

A uns mórrenlle as vacas, a outros párenlle os bois. (VLLM:1,131) [107]
A uns mórrenlle as vacas e a outros párenlle os bois. (VLLM:1,142) [108]
A uns párenlle os bois e a outros arrebéntanlle as vacas (Porr2) [109]
A us párenlle os bois e a outros amálanlle as vacas. (VLLM:1,157) [110]
Hai a quen lle morren as vacas e a quen lle paren os bois. (VLLM:1,142) [111]
A vaca do pobre, cando ha de parir, morre. (Grou)
A vaca do probe, cando ha parir, morre. (XLF2:22; VLLM:1,132) [112]
Aínda a vaca non pariu e xa lle queremos pór o vitillo ao xato. (VLLM:1,127) [113]
Cando casan dous mancebos, tódalas vacas paren a dous becerros. (XMSH:90; DXC:45) [114]
Dunha vaca sai un becerro. (ERG:vaca) [115]
Non hai mal que por mal non veña, morreume a sogra e pareume a vermella. (EGE:85) [116]
Ó home sin fortuna párelle a vaca no outono e a muller na seitura. (VS) [117]
Ó pobre, a muller e a gata; ó rico, a pocha e a vaca. (Camb1:99) [118]
Ós ricos hasta lle pairen os bois. (XTC4) [119]
Ós ricos hasta lle paren os bois. (Marín4)
Ós ricos hasta lles paren os bois. (XTC4) [120]
Ós ricos párenlle as vacas e ós pobres as mulleres. (FBB3:88)
O vintecinco de marzo pare a vaca tres crías: as dez e a merenda e o descanso a mediodía. (Antas4) [121]
Onde xatiños nacen, as vacas pacen. (VLLM:1,148) [122]
Onde xatos nacen, vaquiñas pacen. (VLLM:1,148) [123]
*Si queres que a vaca che dé *boa leite busca que che paira no coarto crecente.* (XTC1:116; XTC4; VS) [124]
Vaca limada, ou parida ou librada. (EGE:58)
Yeguas e vacas que paren, nos estabros se reparen. (VS)

Morreu miña avoa/sogra
paréuno-la vaca
quedámo-los mismos
que eramos na casa. [125]

Pariu a rubia, pariu a rubia,
pariu a rubia, ¡vaia por Dios!
Pariu a rubia, pariu a rubia,
pariu a rubia, ¡cagou pra vós. [126]

Seis vacas pariron sete xatos
e delas ningunha tivo dous. [127]

---

[107] Llópiz recólleo de F. Bouza Brey (Ourense 1928) e di que é expresión das veleidades da fortuna. En Portugal: *A uns morren as vacas, a outros parem os bois* (DMA:262).

[108] Llópiz: *mórrenll'as, párenll'os*; recólleo de Bouza Brey.

[109] Uns teñen tanta sorte que incluso lles paren os bois (que nunca paren); a outros, en cambio, nin sequera lles paren as vacas preñadas, que acaban rebentando.

[110] Llópiz recólleo dun *Repertorio pop. gall*. Entendemos que *amalar* é enfermar, pero ben pode significar abortar (malparir).

[111] Llópiz recólleo do *Falar de Lobeira*.

[112] Llópiz: *pobre*; recólleo de Xaquín Lorenzo *(Refranes de Lobeira*).

[113] Llópiz: *queremos lle pór o vitillo*. Recólleo de E. Fuciños en Antas (Lugo) e engade que o vitillo é *especie de bozalejo, que se pone a los terneros (xato o xatiño), para que no mamen. En sentido fig. es alusión a los que dan por realidad, lo que solo constituye una ilusión*.

[114] DXC: *Cando se casan, todas as*. XMSH: *apren* (sic) que nos parece unha clara errata.

[115] ERG: *De unha*.

[116] É posible que o *mal por mal* sexa unha errata do colector en vez do consabido *mal por ben.* Esta forma canónica representa unha crúa mostra de humor negro co que se pretende compensa-las perdas. O mesmo que nesta cantiga que recolle Alonso Montero na que se describe a situación inversa: *A miña sogra sanóu /i en troques morréume a vaca: /tras dun probe xempre a morte /anda ca fouce amolada* (XAM:44).

[117] VS: *parelle a vaca / párell'a*.

[118] Sobreenténdese *párenlles*.

[119] XTC4: *Aos*.

[120] A xente que é rica ten moita sorte e aínda consegue máis riqueza facilmente.

[121] Porque en marzo medran os días e empeza o tempo da sesta.

[122] Llópiz recólleo no Páramo (Sarria).

[123] Llópiz recólleo no Páramo (Sarria).

[124] XTC1: *de, carto, crescente*; VS: *carto*. Taboada explica que se cre que as vacas dan máis leite cando paren en nova e menos cando o fan en minguante (XTC1:109). Saco di que o recolle de Taboada Chivite.

[125] Berres2.

[126] VD:316. No texto: *Diós, pariu* (en tres ocasións) */paríu* (noutras tres).

[127] Unha das vacas chámase, precisamente, '*Ningunha*'. PM:895. No texto: *nungunha* (sic).

7.5.1.1. Adiantarse

6658 **adiantado** *adx.* [Becerro] nacido antes do tempo. (Mra.).

6659 **adiantar (na preñe)** *v.* Parir antes dos nove meses de xestación. (Gond.).

7.5.1.2. Retrasarse

6660 **poxa 3** *s.f.* Días que exceden o tempo normal de xestación. (Ver1).

6661 **poxo** *s.m.* Ver POXA 3 /6660. (Ram.).

6662 **mentir** *v.* Parir [unha vaca] despois do tempo previsto. (Común).

6663 **retrasar (na preñe)** *v.* Presentar [unha vaca] unha xestación de máis de nove meses. (Gond.).

6664 **despedirse os días 2** *loc. v.* Estar fóra de contas [unha vaca preñada]. (Ctel8).

6665 **estar mentindo** *loc. v.* Ver MENTIR /6662. A nosa fonte defíneo como "completa-la vaca o período de xestación". (Alla2, Carr-C).

6666 **parir despois dos días** *loc. v.* Retrasarse na data prevista para o parto. (Común).

6667 **ter + (núm.) + días a máis do tempo** *loc. v.* Retrasarse o parto varios días con respecto á data calculada. (Ctel1).

7.5.2. Signos do parto

Nas proximidades do parto, a vaca presenta unha sintomatoloxía especial que permite predici-lo momento en que se vai producir. Entre estas manifestacións, ou pródromos do parto, destacaremos, primeiro, a relaxación dos ligamentos sacro-isquiáticos, que afunden e dan lugar ó que se coñece como *vaca partida* ou *cascada*; e, segundo, a maior mobilidade da base do rabo. Ademais, tamén resulta característico o aumento de tamaño da vulva, especialmente en lonxitude, a súa edematización e a liberación a través dela dunha abundante mucosidade, viscosa e esbrancuxada, *os limos* [128]. Outros signos do parto inminente son a hipertrofia do ubre, da que xa falamos, e a presenza de pingas desa especie de *cera* na punta dos tetos.

A temperatura corporal, que se incrementara unhas semanas antes do parto, baixa case 1º C entre as 12 e as 24 horas previas a este. Os feitos que anuncian o momento final son as contraccións do parto, sempre dolorosas (a diferenza dos movementos fetais que se podían observar no último terzo da xestación), e as actitudes específicas da vaca: excitación, cambios constantes de postura, un xeito de camiñar particular etc.

7.5.2.1. Limos

6668 **culimada** *s.f.* Limosidade que expulsan polos xenitais as vacas en celo ou próximas a parir. (ERGa, LG).

6669 **culimallada** *s.f.* Ver CULIMADA /6668. (LG, Muime2).

6670 **cullimada** *s.f.* Ver CULIMADA /6668. (Muime3).

6671 **limaciós** *s.f.pl.* A nosa fonte defíneo como "expulsa-las envolturas fetais". Parécenos imposible que estas *limaciós* sexan realmente as envolturas fetais (membranas sólidas aínda que acompañadas de moito líquido amniótico) e non, en cambio, o limo que precede ó parto como secreción vulvo-vaxinal. Tamén podería ser que a nosa fonte estivese designando os fluxos que a vaca bota tralo parto, que tampouco son as envolturas fetais e cousa distinta do que comunmente se denominan *limos*. (Caban.).

6672 **limo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Exudación lubrificante das paredes vulvo-vaxinais máis abundante durante o celo ou nas proximidades do parto. (Común).

6673 **limoco** *s.m.* Ver LIMO 1 /6672. (Ped1).

6674 **delimar 2** *v.* Ver LIMAR 2 /6675. (Fri.).

6675 **limar 2** *v.* Expulsa-lo limo [unha vaca]. (Burón, Com1, Pantón, Sob., Suarna, Toba).

6676 **luxar 2** *v.* Bota-lo limo. (Sob.).

7.5.2.2. Puxos

6677 **puxo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das contraccións do útero durante o parto. (Común).

6678 **facer puxos** *loc. v.* Facer esforzos cos músculos da parede abdominal, normalmente ante a proximidade do parto. (Común).

6679 **ter puxos** *loc. v.* Presentar [unha vaca] as contraccións do parto. (Gond.).

6680 **vir os puxos** *loc. v.* Ver TER PUXOS /6679. (Ctel1).

[128] Esta mucosidade correspóndese coa *xelatina de Warthon* acumulada durante a xestación no conduto do colo do útero e que, chegado o parto, se libera ó exterior.

7.5.2.3. Outros signos do parto

6681 **partida** *adx.* [Vaca] con relaxación de ligamentos pelvianos na proximidade do parto. (Gond.).

7.5.3. O parto

6682 **decedura** *s.f.* Parto. (LG).
6683 **libramento 1** *s.m.* Parto. *Cando se aproxima o libramento, a vaca deixa o traballo. No seu sitio poñen ó xugo outra*. (XRMF4).
6684 **paricio** *s.m.* Parto. (Callo., Com1, Cur., Sob., VT).
6685 **parideira 1** *s.f.* Acción de pari-lo gando. (ERG).
6686 **paridela** *s.f.* Parto. (Xun2).
6687 **parido** *s.m.* Parto. (Piquín).
6688 **paridoiro** *s.m.* Ver PARIDEIRA 1 /6685. (ERG).
6689 **paridura** *s.f.* Parto. (Cam1, Ctel1, ERG, Piquín).
6690 **pariscallo** *s.m. fam.* Paridura ou parto. *Aínda non hai pariscallo hoxe, falando dunha vaca que está para parir*. Témolo recollido igualmente para referirse ás mulleres: *Tamén está de pariscallo a muller do veciño*. (Parade.:348).
6691 **paristrallo** *s.m. fam.* Ver PARISCALLO /6690. (Piquín).
6692 **paríu** *s.m.* Parto. (Piquín).
6693 **parizo** *s.m.* Parto. (Cam1, Carno., Sob.).
6694 **parto** *s.m.* Acción de expulsa-lo feto en circunstancias normais. (Común).

O trasno no parto das vacas [129]

Este era un home que non tiña nin idea do que pasaba na súa casa. Levaba tempo observando feitos raros e non sabía se podían ser cousas de meigas ou de trasnos.

Tiña moitas vacas e era frecuente que algunha andivera achegada de parto. Pero cada vez que lle ía parir algunha, o becerro berraba xa desde dentro antes de saír e ó saíren morrían todos. El dicía que tiñan que ser as meigas que lle botaran o meigallo na casa, pois todas cantas crías agardaba nacían mortas.

Ata que un día, un dos becerros conseguiu saír con vida. El sabendo que eran cousas un pouco raras, colleuno, meteuno entre unha morea de toxo e queimouno.

Cando estaba acabando de arder sentiron un forte berro no aire que viña do ceo. E viron caer un home do alto e desaparecer entre a terra.

Contan os vellos que era un trasno e que xa pasara máis veces.

7.6. O puerperio

É o conxunto de fenómenos que se producen despois do parto e que acompañan a involución do útero ó seu estado normal non xestante. Vén durando unhas seis semanas e remata coa aparición do seguinte celo.

Hai quen, cando pare unha vaca, sácalle o costro e dállo á vaca mesturado con auga, o que lle serve como purgante (Mel2:374). Tamén, para evita-los cólicos despois do parto danlle de beber canela fervida nun pouco de auga en infusión (Cam1), cousa que tamén se facía coas mulleres tralo parto.

Cando enferma unha vaca despois do parto cólganlle do pescozo un pantalón de home cunha moeda de prata no peto e fan anda-la vaca ó redor dunha fogueira aguilloándoa cun forcado (JRL:203). Algúns xinecólogos din que nalgúns sitios de Galicia era frecuente que á muller, tralo parto, lle tapasen a cabeza cun pano.

6695 **angroda** *s.f.* Puerperio. (ERG).
6696 **angrodas** *s.f. pl.* Gastos e coidados que ocasiona o parto e o puerperio. Aplícase tanto á xente como ós animais. Llópiz proporciónanos este refrán: *Pra dispois do parto unta o ventre con caldo de camisa da cobra e non che virán angrodas*, que o Dr. Gasalla, de Ferreira de Guntín (Lugo) explica como as "anormalidades del sobreparto, puerperio, embolias etc.". No capítulo 8.7. *Patoloxía da reprodución* recolleremos máis usos da camisa de cobra nas enfermidades relacionadas co embarazo e o parto. (ERG).
6697 **engroda 1** *s.f.* Días posteriores ó parto. *O raposo está berrando/ no alto da feira nova/ que lle leven as galiñas/ que ten a muller de engroda* (MRV:93). (Carb2, CP).
6698 **sobreparto** *s.m.* Puerperio. (Pont., Ver2).
6699 **días de engroda** *s.comp.f.pl.* Puerperio. (LG).

[129] MINI. Recollido a D. M. A. Méndez e Dª M. Sánchez no concello de Mesía.

7.6.1. A vaca acabada de parir

6700 **vaca de dieta** *s.comp.f.* Vaca parida. Supoñemos que recibe este nome pola alimentación especial que lle hai de dar. (Cabal.).

6701 **vaca de enghroda** *s.comp.f.* Ver VACA DE ENGRODA /6702. A nosa fonte escribe *denjroda*. (Razo).

6702 **vaca de engroda** *s.comp.f.* Vaca parida. (SComba).

6703 **vaca de leite 3** *s.comp.f.* Vaca parida. *Unha vaca de leite aparece tranquila, leva de par unha becerriña, de a penas dous meses, fermosa de leite e de saúde, acaroada en exceso á barbela da nai, que camiña da corda do amo con poucas palabras* (XVP2:143). (Grixoa, TapiaC, XVP2).

6704 **vaca de poucos días** *s.comp.f.* Vaca parida. (Buga-A).

6705 **baleira 3** *adx.* [Vaca] parida. A nosa fonte escribe *valeira*. (Enxames).

6706 **desfeita** *adx.* [Vaca] parida. Ignoramos se queren dicir que a vaca se *desfixo* da cría ou se se trata dunha vaca que quedou *desfeita* tralo parto. (Antas3).

6707 **leiteira 4** *adx.* [Vaca] parida. Supoñemos que porque nese momento comeza a dar leite. (Anca, Meir.).

6708 **liberta** *adx.* [Vaca] parida. A denominación evoca o feito de que os escravos dos antigos romanos, cando conseguían a liberdade, convertíanse en *libertos* pero os seus fillos xa non tiñan a condición de libertos, nacían *libres*. A voz *liberto* funciona como un participio irregular de *libertar* e, por iso, representa unha certa proximidade á liberación, neste caso, ó parto. (Carr-G).

6709 **libre** *adx.* Ver LIBERTA /6708. Se *librar* é parir, unha *vaca libre* sería unha vaca xa parida e polo tanto non preñada, como é natural, que é como o definen estes informantes. (Borre., Mosen., Valad1).

6710 **parida** *adx.* [Vaca] que pariu hai pouco tempo e, por veces, calquera que despois dun parto segue dando leite. (Común).

6711 **parideira 2** *adx.* [Vaca] parida. (Ancares2, Peroxa).

6712 **primeriza** *adx.* A nosa fonte defínea como "vaca recén parida". Obviamente temos que crer que a denominación de *vaca primeriza* non designa a calquera vaca recén parida, senón que neste caso se daba a circunstancia de que, ademais de recén parida, se trataba do primeiro parto da vaca en cuestión (vaca primípara). (Valad2).

6713 **tenreira 3** *adx.* [Vaca] parida de pouco. *Tenreiro* significa recente, fresco. *As vacas múnguense á mañán cedo e á noite e se son 'tenreiras', paridas de fresco, múnguense tamén pol-o meio día e ténse coidado, cando saen ao monte, de abrigalas case que sempre, cunha especie de coroza tecida con palla* (Velle1:135). (Común. Alence, Arroxo, Baltar, Boi., Bolo, Busta., Carb3, Carbal., Car2, Carño2, Carr-C, Ced., Chan., Corb., Estr4, Fara., Frei., Gud., Lagar., Lamas, Laraxe, LG, Melias, Morga., Nove2, Pal., Peno., Piñei2, Piñor, Piquín, Rib-S, Ribe1, Ribó, Rus, Sabu2, Sisto, Somo2, Tabor., Vala1, Velle1, VFrore., Vilar, Vnova2, Xeve, Xudán1, Xun2).

6714 **terneira 2** *adx.* Ver TENREIRA 3 /6713. (Cer., Troán1).

6715 **tienreira** *adx.* Ver TENREIRA 3 /6713. (Piñe.).

6716 **tinreira** *adx.* Ver TENREIRA 3 /6713. (Sabu3).

6717 ***tierna** *adx.* Ver TENREIRA 3 /6713. (Sisán).

6718 **acabada de parir** *loc. adx.* [Vaca] parida. (Cast., Consta., Lago, Negra., Randu., Sofán).

6719 **cos formigos** *loc. adx.* [Vaca] parida. (Gui.).

6720 **parida de fresco** *loc. adx.* Ver PARIDA DE POUCO /6722. *As vacas múnguense á mañán cedo e á noite e se son 'tenreiras', paridas de fresco, múnguense tamén pol-o meio día e ténse coidado, cando saen ao monte, de abrigalas case que sempre, cunha especie de coroza tecida con palla* (Velle1:135). (Abe., Agro., Figue2, Teo, Velle1, Viso1, Viso2).

6721 **parida de novo** *loc. adx.* Ver PARIDA DE POUCO /6722. (Cast., Fre., Lendo, Noice., Oirán, Pal., Pedro., Ribe2, Vala.).

6722 **parida de pouco** *loc. adx.* [Vaca] que acaba de parir. O noso informante en Dúas di *parida de pouca*. Coidamos que é un erro de escritura. (Abe., Alence, Bar-Co., Beman., Ben., Burgo, Caban., Callo., Ces., Codeso., Conxo, Ctel1, Dúas, Eixo, Estr3, Fuxás, Grixoa, Laiosa, Leir-A, Medín, Mra., Oroso1, Ortoño, Pade., Pedro., Pravio, Pre., Ribe1, Suevos, Taboa., Valen., Verdía, Verdu., Vi-Val., Vxoán).

6723 **parida de poucos días** *loc. adx.* Ver PARIDA DE POUCO /6722. (Vrei.).

6724 **parida de tenreiro** *loc. adx.* [Vaca] parida. (Noal).

6725 **parida de *recén** *loc. adx.* Ver PARIDA DE POUCO /6722. (PSil).

6726 **parida de *recién** *loc. adx.* Ver PARIDA DE POUCO /6722. (Rábade).

6727 **parida hai pouco** *loc. adx.* Ver PARIDA DE POUCO /6722. (Baíñas).

6728 ***recén parida** *loc. adx.* [Vaca] no puerperio, coas consecuencias e atencións do parto. (Cervá1, Mosen., Samos3, Zamáns).

6729 ***recién parida** *loc. adx.* Ver PARIDA DE POUCO /6722. (Barre., Cervá2, Dis., Veste.).

6730 ***resién parida** *loc. adx.* Ver PARIDA DE POUCO /6722. (Rama.).

6731 **estar de cría** *loc. v.* Estar parida [unha vaca]. (Sofán).

6732 **estar de cría nova** *loc. v.* Estar [unha vaca] parida. A nosa fonte escribe *ta de cria nova*. (Abadín).

6733 **estar de formigos 1** *loc. v.* Estar [unha vaca] parida de pouco. *Formigos* é un dos nomes do costro. (Común).

6734 **estar de fornigos** *loc. v.* Ver ESTAR DE FORMIGOS 1 /6733. Rivas Quintas tamén o aplica á muller na mesma circunstancia. (Piquín).

6735 **estar limpando** *loc. v.* Expulsar fluxos [unha vaca] pola vulva despois do parto. (Gond.).

6736 **estar parida** *loc. v.* Ter parido recentemente [unha vaca]. (Amandi, Cunt2).

6737 **limpa-la vaca** *loc. v.* Expulsar [unha vaca] os loquios nos días seguintes ó parto. (Cam2).

Moitas ghracias Dio-lo paghe
témo-la ghata tenreira,
de día dorme en la cama
de noite en la borralleira. [130]

Formuliñas dos pícaros [131]
Vaite chuvia, vaite sol,
polos campos de Ferrol;
unha vaca parideira
con tres olas de manteiga;
unha pola para pór,
un galo para cantar,
unha porquiña rabela
para facer o xantar.

A zorra e a vaca [132]

Unha vez viña unha vaca da feira da Gudiña, soliña de á feito [133], porque como estaba parida escapáraselle ao amo.

Unha zorra i on [134] lobo vírona [135] pasar e cueso díxolle a zorra ao lobo:

- Ai compadre; vamos a comer esa vaca.

- Osté ben fala, comadre. Eu de boa gana lle ferraba os dentes, mais mire que cueses [136] *cornos tan aguzados que ten* [137] *é capaz de escornarnos...*

- Osté é un medroco. Xa verá coma eu sola podio cuela. Heille [138] *saltar aos cornos; despois heille desatar a corda que trai arrodillada á* [139] *cabeza; préndoa on* [140] *rebolo; e despois heina* [141] *comer de cabo a rabo.*

Foi a zorra e saltoulle á cabeza á vaca [142] e púxose a desatar a corda pro [143], coma a vaca non estaba queda, enzurrubillouse [144] de tal xeito, que quedou [145] alí enganchada e non se podía [146] baixar.

Entonces berroulle [147] o lobo:

- Comadre, déixese de esas porfías.

- ¡Que porfías nin pataratas![148] *- respondeu a raposa-. Se a corda non creba ou non se desata, hei de ir á* [149] *casa do dono da vaca.*

---

[130] SCHU6/2/1994.
[131] Lama2:219, Muros, AGA:78. No texto: *Vai-te, chuvia, vai-te, sol* (AGA); *Vente chuvia, pol-os, para por* (Muros).
[132] Gud3: 147-148. Recolleuno de Adelina Rodrígues, de Carracedo.
[133] No texto: *soliña de âfeito*.
[134] No texto: *i-on*.
[135] No texto: *viron-a*.
[136] No texto: *cu-eses*.
[137] No texto: *tén*.
[138] No texto: *Héille*.
[139] No texto: *â*.
[140] No texto: *ôn*.
[141] No texto: *despóis héina*.
[142] No texto: *saltóulle â cabeza â vaca.*
[143] No texto: *,pro coma*.
[144] No texto: *enzurrubillóuse*.
[145] No texto: *quedóu*.
[146] No texto: *podia*.
[147] No texto: *berróulle*.
[148] No texto sen signos de admiración.
[149] No texto: *â*.

I así foi [150]. A vaca botou [151] a fuxir cua zorra na cabeza e [152], ó chegar ao curral, esmagouna [153] contra unha parede.

7.6.2. A comida que lles dan ás vacas tralo parto

Durante a xestación incrementáronse considerablemente as necesidades nutritivas da vaca, obrigada a darlle ó feto tódolos principios nutritivos para o seu desenvolvemento [154]. De aí a necesidade de suplementala dieta da vaca preñada, máis en calidade que en cantidade, para cubrir estes requerimentos. De por parte, axuda a conseguir este obxectivo unha notable melloría na eficacia dos procesos de absorción intestinal durante a xestación.

Tralo parto, as necesidades nutritivas aumentan aínda máis, desviadas agora á produción de leite [155]. Para cubrilas satisfactoriamente cómpre unha alimentación perfecta, xa que calquera deficiencia nutricional (por cantidade insuficiente, por alimentos pouco nutritivos etc.) repercutirá sobre a produción de leite. Simultaneamente aumenta a cantidade de penso inxerido, algo no que inflúe a desaparición daquel útero grávido que ocupaba boa parte da cavidade abdominal.

Do desgaste sufrido pola vaca durante a lactación dá idea o feito de que durante os 2-3 primeiros meses pode perder entre 0,5 e 1 kg de peso diario, aínda no caso de estar ben alimentada.

Intuitivamente os gandeiros galegos sempre coñeceron estas necesidades fisiolóxicas e, por iso, sempre reforzaron neste momento a alimentación da vaca, tanto en calidade coma en cantidade. Non quita que a humanización do animal suxira agradecerlle así a contribución á economía familiar. Nin quita tampouco que o afecto ó animal impulse a tratalo con máis esmero por imitación do que o home fai coa súa muller en similar situación.

En calquera caso, o gandeiro é moi mirado coa vaca parida. Na Gudiña [156] recollémo-lo seguinte consello:

> *Inmediatamente que ha parido la vaca, o antes, si el parto es laborioso, se le da a beber agua bien enfarnada (con harina y salvado), y mórnea. Después, alternando con heno durante un período de tiempo variable; tres o cuatro dias en el Verano, hasta veinte durante el Invierno, o mas si el temporal va frio o lluvioso. Se cuida mucho de que la vaca parida no se moje en los primeros días que sale al pasto.*

Por Melide danlle á vaca durante 15 días herba verde da mellor e pan, e cando sae abrígana cunha manta de xuncos ou de palla tecida atergo (Mel2:374). Noutros sitios mantiñan a vaca durante os primeiros 9 días con herba seca e auga quente; o informante que tal nos contou non cre que iso sexa necesario e dálles tamén herba verde e auga do bebedeiro (Cam2). Como cousa boa para a saúde dela danlle de comer verzas rizadas, que, para ben, han ser roubadas (Mel2:374).

Xa cun propósito terapéutico tamén recollemos outras prácticas de manexo, pero describirémolas no capítulo 8.7. *Patoloxía da reprodución*.

Un dos cadernos do cuestionario do ILG recollía as seguintes respostas xenéricas á pregunta *Comida que se lle dá á vaca recén parida*:

[150] No texto: *Y-así foi*.

[151] No texto: *botóu*.

[152] No texto: *,e-o chegar*.

[153] No texto: *esmagóuna*.

[154] Estímase que a vaca aumenta o peso nun 15-20% durante a xestación. Este aumento de peso, cifrado nuns 75 kg de media, non só corresponde ó propio feto senón que tamén inclúe uns 12 kg de líquido amniótico e uns 13 kg de tecidos de neoformación (útero e membranas fetais) (EK:785).

[155] Unha vaca cunha produción de 20 litros diarios perde a través do leite 900 g de lactosa, 650 g de proteínas e 750 g de graxas, e as súas necesidades de enerxía superan facilmente as 40.000 calorías diarias (EK:806).

[156] Gud7: 52.

Aghua con fariña	Noal.
Aghua e centeo	Conxo.
Aghua fervida con unto	Guil2.
Agua	Nove2, TapiaC. [157]
Auga con fariña	Alla2, Callo., Ribad.
Auga quente enfariñada	Baltar.
Auga quente con fariña e palla milla	Ribe2.
Augha	Sofán, Teo.
Augha con fariña	Codeso., Couce., Pedro.
Bebida	MCouso, Somo1.
Bebida da vaca	Peroxa.
Caldo de fariña de millo	Cast.
Comida seca e aghua quente	Abe.
Fariña	Alence, CarbCo., Conxo, Macei., Rib-E.
Fariña de senteo	Lous.
Fariña de senteo con augha	Figue1.
Feno	Enxames.
Folla	Suevos.
Follas de palla	Valad2.
Fullatos	Bar-Co.
Herba curada	CarbCo, Tab3.
Herba seca	Agro., Antas3, Arzón, Borre., Callo., Codeso., Crendes, Culle., Figuei., Gui., Medín, Negral, Piñe., Razo, Rib-E., Rib-S, Sisán, Valad1, Veste.
Lavadura	Agro., Carño2, Figue2, Grixoa, Ortoño, PCal2, Xeve.
Levadura	Fol-C, Gaxate, Mour1, Verdu.
Palla	Arzúa2, Borre., CarbCo., Cast., Conxo, Figue2, Lendo., Medín, Oroso2, Ortoño, Rama., Razo, Ribad., Sofán, Suevos, Vtose., Zamáns. [158]
Palla de trigho	Figue1. [159]
Palla do mio	Arme. [160]
Palla e aghua quente con fariña	Verdía.
Palla milla	Callo, Tab3. [161]
Palla seca	Agro., Dum., Lañas, Miñor2, Noal.
Palla triga	Bidu., Calo, Com1, Sob. [162]
Pasto seco	Morai.
Penso	Xudán1.

6738 **aghuada** *s.f.* Comida que se lle dá á vaca parida. A nosa fonte escribe *ajuada*. (Cruído).

6739 **baldada** *s.f.* Comida que se lle dá á vaca parida. O noso informante de Sabu3 recolle *valdadas*. (Sabu3, Vi-Val).

6740 **beberaxe** *s.* Comida que se lle dá á vaca parida. (Mosen.).

6741 **calda** *s.f.* Comida quente para as vacas paridas, feita de patacas, nabos e verzas cocidas con farelos e unha migalla de sal. *No inverno sobrealiméntanas cunha calda* [var. encaldada, tinada], *ou sexa, un caldeiro con auga quente e relón, nabos, patacas defectuosas, tonas de pataca ou verzas, e unha presa de sal* (XRMF4:87). *As vacas paridas saen ó monte no invemo cubertas cunha esteira ou manta das vacas e, para que dean máis leite, son sobrealimentadas cunha calda* (XRMF4:88).

[157] A nosa fonte escribe: *Darlle ajua* (TapiaC), *Darlle a agua* (Nove2).
[158] Zamáns escribe: *Paja*. Oroso2 escribe *polla*, non sabemos se erro por *palla* ou por *folla*.
[159] A nosa fonte escribe *Palla de trijo*.
[160] A nosa fonte escribe: *Paya do mio*.
[161] A nosa fonte escribe: *Paya milla* (Callo.).
[162] A nosa fonte escribe: *Paya triga* (Bidu.), *Paia triga* (Calo).

Despois fáiselle unha 'tinada' ou 'calda', que se obtén botando en auga quente mondas de patacas, patacas pequenas ou nabos ou farelos e sazonándoo cunha presa de sal (Velle1:135). (Amandi, Antas3, Chan., Fara., Mon., Pantón, Parade., Piñe., Piñei2, PSeca, Ribó, Velle1, Vrei., XRMF4, Xun2).

6742 **caldada 1** *s.f.* Ver ENCALDADA 1 /6753. (Buga-N, Busta., Com1, Com4, Dúas, Laiosa, Mel2, Penela, Vill-O).

6743 **caldado** *s.m.* Ver ENCALDADA 1 /6753. (Taboa.).

6744 **caldeada** *s.f.* Ver ENCALDADA 1 /6753. (Cubi2, Damil, Laxosa, Mira., Rábade).

6745 **caldeira** *s.f.* Ver ENCALDADA 1 /6753. (CTui).

6746 **caldeirada 1** *s.f.* Ver ENCALDADA 1 /6753. (Anseán, Arca, Bas., Bolo, Carbal., Carde., Cunt2, Lava., Lucí, Peno., Piñor, PSil, Salv3, Santi., Sisto, Somo2, TapiaC).

6747 **caldeiro 1** *s.m.* Ver ENCALDADA 1 /6753. (Anseán, Noalla, Rendal).

6748 **caldo 2** *s.m.* Ver ENCALDADA 1 /6753. (Aranga, Boi., Cur., Lago, Leir-A, Pedro.).

6749 **cocido** *s.m.* Comida que se lle dá á vaca acabada de parir. (Caban.).

6750 **costras 1** *s.f.pl.* Ver COSTROS 2 /6751. (Casal.).

6751 **costros 2** *s.m.pl.* Coidamos que é o costro da propia vaca parida que llo dan a beber. (Camba).

6752 **dieta** *s.f.* Comida especial que se lle dá á vaca parida de pouco. Ver VACA DE DIETA /6700. (Negr2, Nive., Pre.).

6753 **encaldada 1** *s.f.* Comida que se lle dá á vaca parida que, polo menos, leva fariña e auga quente. Os nosos informantes recollen as formas *encaldada de fariña* (Gun.), *encaldada con mesturas* (Valen.) ou *encaldada suelta* (Pravio). (Abadín, Arroxo, Ben., Burela1, Burgo, Caa., Cang2, Ced., Chan., Estr4, Fre., Gro2, Gui., Gun., Incio, Laxe, Meira2, Melias, Mondo1, Mondo2, Morga., Neves2, Oirán, Parga, Porto, Pravio, Samos3, Toba, Vala., Valen., VFrore., Vixoán, XRMF4, Xudán1. ILG (C:25)).

6754 **encaldeada** *s.f.* Ver ENCALDADA 1 /6753. (Barre.).

6755 **enfarnada** *s.f.* Ver ENCALDADA 1 /6753. (Carr-G).

6756 **enghroda** *s.f.* Ver ENGRODA 2 /6757. (Cam4).

6757 **engroda 2** *s.f.* Comida que se lle dá á vaca parida nos primeiros días despois do parto. (CP, Dum., Laxe, LG, Razo, Toba).

6758 **escaldada** *s.f.* Ver ENCALDADA 1 /6753. (Baña2, Cadrón, Cerd2, Estr3, Goián, Oliv., Sabu2, Troán1).

6759 **faldeirada** *s.f.* Ver ENCALDADA 1 /6753. Resúltanos estraña esta voz, cando un, por voces sinónimas, esperaba *caldeirada*, pero pode ser que se refira á cantidade de fariña e verzas que se lle poden levar no mandil ás vacas. Pénsese que, co mesmo valor, tamén temos *tinada* e supoñemos que a motivación é que se lle dá nun balde ou tina. Outros usos do continente como unidade de medida serían *canada* e *canadada*: cantidade de leite que contén o recipiente para muxir, chamado *canada*; ou *carrada* e *carro de leña*: cantidade de leña que carga un carro. (Eixo).

6760 **mimo** *s.m.* Comida que se lle dá á vaca parida. (Fózara).

6761 **misturada** *s.f.* Comida que se lle dá á vaca parida. (Corb., Pal., Vnova2).

6762 **seco 2** *s.m.* Herba seca ou palla que o gandeiro coida máis axeitada para alimenta-las vacas paridas de pouco. (Fuxás, Macei., Taboa.).

6763 **tinada** *s.f.* Comida suplementaria que se lle dá á vaca parida. Supoñemos que polo feito de darlla nun balde ou tina. (Cervá1, Velle1, XRMF4).

6764 **xarofre** *s.m.* Comida que se lle dá á vaca parida. (Estr4).

6765 **xarope** *s.m.* Comida que se lle dá á vaca parida. (Lagar., Teo).

6766 **caldada de caldo** *s.comp.f.* Ver ENCALDADA 1 /6753. (Negra.).

6767 **comida enxuta** *s.comp.f.* Ver SECO 2 /6762. (Frei.).

6768 **comida seca** *s.comp.f.* Ver SECO 2 /6762. (Couso).

6769 **cousa de seco** *s.comp.f.* Ver SECO 2 /6762. (Cur1).

6770 **encaldar** *v.* Sobrealimentar [unha vaca parida] nos primeiros días despois do parto. (Com1, Feás-A).

6771 **dar caldeiro** *loc. v.* Dar [a unha vaca parida] unha sobrealimentación a base de fariña, cascos de gran, verdura etc. todo cocido. (Pont.).

6772 **manter con caldeiro** *loc. v.* Alimentar exquisitamente [unha vaca], con herba e penso. (Pont.).

Á vaca que pare, pota de chiculate. (VLLM:1,132) [163]

[163] Llópiz comenta que é unha *estúpida rutina das aldeas de Ordes*, segundo información do prof. vet. Javier R. Losada (a quen ordinariamente cita como Javier F. ou Fernández Losada). Nós non nos metemos a discutir se é ou non estúpida esta rutina (por outro lado agradable), o que si é certo é que tal práctica non se circunscribe á bisbarra de Ordes senón que está estendida por toda Galicia. Máis ben supoñemos que é unha acción de cariño imitada da que se fai coas mulleres paridas que, máis que estúpida, podería ser inútil, xa que é discutible que un animal herbívoro, como é a vaca, sexa capaz de dixeri-las graxas do chocolate. Algo semellante se podería dicir no caso das mulleres, por ser algo astrinxente o chocolate e vir nelas o parto acompañado frecuentemente de problemas de estrinximento. A intención final nun caso e no outro é o de compensa-lo esforzo do parizo cun alimento de elevado poder enerxético. A modo de exemplo, en Paradela *á muller recén parida ou a calquera persoa doente danlle dúas onzas ou castañas de chocolate con leite e con auga, se non pode tomar leite, cociñadas e batidas nunha chocolateira* (Parade.:214). A *castaña de chocolate* é a decimosexta parte en que se divide a libra.

7.6.3. As secundinas

Considérase prexudicial para a vaca que coma as secundinas expulsadas tralo parto *pues no será buena lechera durante la parición en que lo haga. Por eso se tiene gran cuidado en enterrarlas o darlas a los perros apenas se* "*desquita*" (Gud7: 52).

Hai que cre que cando unha vaca ten pintas é porque comeu as súas libracións [164].

6773 **aguas** *s.f.pl.* O noso informante defíneo como "placenta" pero parece obvio que se refire ó líquido amniótico. (Ancares2).

6774 **bolsa 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Envolturas fetais. En plural recólleo Caban. (Caban., Miñor2).

6775 **burrias** *s.f.pl.* Ver GURRIAS /6793. (Vill-O).

6776 **camisa 1** *s.f.* Envolturas fetais. En plural recólleno Consta. e Tab3. (Antas3, Aranga, Cam4, Carde., Com1, Consta., Damil, Mira., Oroso, Sob., Tab1, Vala1).

6777 **cangros** *s.m.pl.* Secundinas. (ERG).

6778 **celareta** *s.f.* Placenta. *É crenza estendida tamén a certos animais, por exemplo ás vacas, xa que se unha vaca come a 'celareta' (placenta) ou 'quites' (quitas), pode encherse de pintas brancas*. (Raiaseca).

6779 **cuitas** *s.f.pl.* Ver QUITAS /6815. (Carr-C, Saiar, Viso1, Viso2).

6780 **dianteira** *s.f.* Envolturas fetais. ¿Será porque o primeiro que asoma no parto é a bolsa amniótica (as envolturas fetais)? (Guil2, Pal.).

6781 **embestras** *s.f.pl.* Envolturas fetais. (LG, Vila).

6782 **empreñadeiras** *s.f.pl.* Envolturas fetais. (Crendes).

6783 **engurrias** *s.f.pl.* Ver GURRIAS /6793. (Arroxo).

6784 **erguitas** *s.f.pl.* Ver QUITAS /6815. (Laxosa).

6785 **espairas** *s.f.pl.* Ver PARIAS /6811. (Razo).

6786 **espallas** *s.f.pl.* Ver PARIAS /6811. (Oza).

6787 **esparias** *s.f.pl.* Ver PARIAS /6811. (Laxe, Rus, Valen.).

6788 **esquitaduras** *s.f.pl.* Ver QUITAS /6815. (Cab.).

6789 **esquitas** *s.f.pl.* Ver QUITAS /6815. (Abadín, Cerd2, Cod2, Codeso., Gui., Hermi., Laraxe, Mel1, Mez., Ped1, Pedro., Per., Per1, Porto, Xudán1).

6790 **fol 1** *s.m.* Envolturas fetais. Carr-C anota realmente a voz *fo* pero coidamos que debe de ser un erro, porque en Saiar, parroquia do mesmo concello de Caldas de Reis, é onde recollémo-la voz *fol*. (Carr-C, Saiar).

6791 **guitas** *s.f.pl.* Ver QUITAS /6815. *'Desguitar-se' é botar as 'guitas' ou 'libranzas', que son as páreas e as membranas que envolven o feto* (Parade.:275). (Arcos, Burgo, Gun., Incio, Negral, Parade., Zolle).

6792 **guites** *s.f.pl.* Ver QUITES 1 /6816. (Dozón).

6793 **gurrias** *s.f.pl.* Envolturas fetais. (Barcia, Burón, Incio, LG, Piquín, Suarna, Troán1).

6794 **gurrías** *s.f.pl.* Ver GURRIAS /6793. Ancares2 recolle esta voz en dúas ocasións, definíndoa nun caso como "aguas y placenta" (p. 193) e noutro como "placenta" (p. 196). (Ancares2).

6795 **imbestres** *s.f.pl.* Ver EMBESTRAS /6781. (Ped1).

6796 **lebras** *s.f.pl.* Ver LIBRAS /6804. (PCal2).

6797 **libracións** *s.f.pl.* Ver LIBRAS /6804. (Callo., Estr4, Rib-E, Somo1, Somo2).

6798 **libraciós** *s.f.pl.* Ver LIBRAS /6804. Lim3 (que quitamos de ERGa) dálle categoría de *s.m.pl.*, o que nos parece un erro evidente. (Anseán, Carbal., Carño2, Dozón, Lagar., Lamas, Leir-A, Lim3, Pantón, Sabu2, Sabu3, San., Sisto).

6799 **libradeiras** *s.f.pl.* Ver LIBRAS /6804. (Bar-Co., Laiosa, Parade., Penela, Piñe., Veste.).

6800 **libraduras** *s.f.pl.* Ver LIBRAS /6804. (Amandi, Anca, Burón, Cervá1, Cervá2, Com1, Dis., Lago, Meir., Sete-L, Suarna, Vilar, Vill-O, Xudán1).

6801 **libramento 2** *s.m.* Ver LIBRAS /6804. (Toba).

6802 **libransas** *s.f.pl.* Ver LIBRAS /6804. (Abe., Agro., Bas., Buga-A, Couce., Figue1, Figue2, Lucí, Nive., Ortoño, Pedro., Rus, TapiaC, Teo).

6803 **libranzas** *s.f.pl.* Ver LIBRAS /6804. Aínda que LG (15.03.1998) matiza que *as envolturas fetais son as libranzas e a placenta son as parias* e, certamente, son dúas estruturas diferentes, coidamos que a xente utiliza indistintamente as dúas palabras para designa-lo conxunto que sae envolvendo o becerro no momento do parto. (Común).

6804 **libras** *s.f.pl.* Envolturas fetais. A denominación está evidentemente relacionada co acto de *librar*, é dicir, parir. (Arcos, Baltar, Busta., Caa., Cab., Cadrón, Cang3, Cere., Com1, Cur., Dúas, Enxames, Estr3, Fara., Feás-A, Gaxate, Gui., Melias, Mira., Mon., Mour1, Negral, Neves2, Nove., Parga, Piñei2, Piñor, Pont., PSeca, PSil, Sob., Taboa., Troán1, Ver1, Ver2, VFrore., Xeve. ILG (C:22)).

6805 **librazóns** *s.f.pl.* Envolturas fetais. (Ctel1).

6806 **libres** *s.f.pl.* Ver LIBRAS /6804. (Gud., Hermi., Ver1, Vil.).

6807 **liras 2** *s.f.pl.* Ver LIBRAS /6804. Quitamos esta voz da locución que nos deu o informante *salirlle as liras á vaca* pretendendo responder á pregunta *saírlle a matriz á vaca*. As secundinas que expulsa a vaca tralo parto presentan unhas

[164] MMC1: 22.

estruturas filiformes nas que alguén pode velas cordas dunha lira. Tamén é posible que se estea refirindo realmente á matriz, que, como xa dixemos nesta mesma voz na epígrafe 5.4.2. *Anatomía: o útero*, pode lembrar vagamente a feitura deste instumento musical aínda que resulte absolutamente imposible establecer esa semellanza ante a visión dun prolapso uterino. Mesmo queda unha última posibilidade: que se trate dun simple erro mecanográfico de *liras* por *libras*. (Laraxe).

6808 **pairas** *s.f.pl.* Ver PARIAS /6811. (Guil2, Lou).

6809 **paras** *s.f.pl.* Ver PARIAS /6811. (Baíñas, Macei., Toba).

6810 **páreas** *s.f.pl.* Ver PARIAS /6811. (ERG, LG, Parade.).

6811 **parias** *s.f.pl.* Envolturas fetais. LG especifica que *as envolturas fetais son as libranzas e a placenta son as parias* (LG:15.03.1998). (Anca, Beman., Burela1, Cam2, Ced., Com1, Corb., CTui, Feás-A, Fol-LE, Fózara, Frei., JMP, LG, Morga., Mosén., Noalla, Nove2, Oliv., Randu., Ribe2, Salv3, SComba, Sofán, Tabor., Val-LE, Valad1, Valad2, Vcova., Verdu., Viso1, Viso2, Vnova, Vxoán).

6812 **parices** *s.f.pl.* Ver PARIAS /6811. (Randu.).

6813 **parideiras** *s.f.pl.* Ver PARIAS /6811. (Ardán, LG, Peroxa).

6814 **quitaduras** *s.f.pl.* Ver QUITAS /6815. (Laiosa, Negra., Samos3).

6815 **quitas** *s.f.pl.* Envolturas fetais. *As 'guitas' tamén se chaman 'quitas', 'libranzas' e 'libradeiras'* (Parade.:275). (Común. Arme., Arzón, Baña, Barre., Ben., Buga-N, Cabal., Camba, Carb3, Casal., Ced., Com1, CReis2, Cubi2, Damil, Dozón, Dum., Fol-C, Fre., Gui., Lampón, Lañas, Lendo, Lestón, Lous., Meira2, Mira., Mondo2, Morai., Noal, Noice., Oirán, Parade., PSil, Rábade, Samos3, SComba, Toba, Vala., Viso1, Viso2., Vtose., Vxoán.).

6816 **quites 1** *s.f.pl.* Ver QUITAS /6815. Na edición crítica do *Vocabulario gallego castellano* de Juan Manuel Pintos, a cargo de Marga Neira e Xesús Riveiro, estes inclúen a seguinte nota: "No orixinal a entrada vén así: *Quites (as) os. V. parias, sobras*, que se pode interpretar como *quites, quitas, quitos* ou ben como *as quites* ou *os quites*, que é a lectura que nós adoptamos". (Gro2, Gud., Gud5, Gud7, JMP, MCouso, Mez., Raiaseca, Sisán, Verdu., VLQ).

6817 **quites 2** *s.m.pl.* Ver QUITES 1 /6816. (JMP).

6818 **salvas** *s.f.pl.* Secundinas. (ERG, MLP).

6819 **séculas** *s.f.pl.* Secundinas. (ERG).

6820 **secundinas** *s.f.pl.* Denominación técnica utilizada por veterinarios para designa-las envolturas fetais. (Arc1, Cato., Gond., PAre1).

6821 **talaz** *s.f.* Ver TEAZA /6822. (Ped1).

6822 **teaza** *s.f.* Envolturas fetais. (MCouso).

6823 **teliz** *s.f.?* Ver TEAZA /6822. A nosa fonte define *teliz* dun xeito máis xenérico: "película que cobre algúns líquidos e envolve algunhas vísceras ou glándulas e corpos e órgaos" (Parade.:351), pero noutro momento deixa clara esta acepción específica como envolturas fetais: *Os buchos ou becerros que nascen nunha 'vexiga', 'teliz' ou cutícula afogan, se non se lles quita de contado*. (Parade.:276).

6824 **tiaza** *s.f.* Ver TEAZA /6822. (Bar-Co).

6825 **tiez 2** *s.f.* Ver TEAZA /6822. Rivas Quintas define *tiez* como "Teaz, película, piel sutil que envuelve o rodea, por ej., el corazón, diafragma, fárfara, etc." (Lubián, Zamora) (ERQ2). (Xun.).

6826 **vexiga 2** *s.f.* Envolturas fetais. (Parade.).

6827 **vexigha** *s.f.* Ver VEXIGA 2 /6826. A nosa fonte escribe *vexija*. (Suevos).

6828 ***mantilla 2** *s.f.* Envolturas fetais. (Oroso2).

6829 **bolsa da *agua** *s.comp.f.* Envolturas fetais. (Vrei.).

7.6.4. Expulsa-las secundinas

6830 **abregoar** *v.* Expulsa-las secundinas. (VLLM).

6831 **botar 4** *v.* Expulsa-las envolturas fetais. A nosa fonte escribe *votar*. (Casal.).

6832 **desguitar** *v. Ú. m. c. prnl.* Ver DESQUITAR 1 /6833. Só Consta. o utiliza como non prnl. (Burgo, Consta., Fre., Negra., Negral, Parade.).

6833 **desquitar 1** *v. Ú. m. c. prnl.* Expulsa-las envolturas fetais [unha vaca]. Arme., Barre., Buga-N., Gud., LG, Miñor2, Negr2, Per., Raiaseca e Vala. utilízano como non prnl. (Arme., Barre., Ben., Buga-N, Cubi2, Gond., Gud., Gud7, LG, Meira2, Miñor2, Mondo2, Negr2, Oirán, Parade., Per., Piquín, Rábade, Raiaseca, Ribe2, Sabu3, Vala., Vala1).

6834 **esburriar 2** *v.* Expulsa-las envolturas fetais [unha vaca]. (Vill-O).

6835 **esquitar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver DESQUITAR 1 /6833. Cerd2.,Codeso. e Gui. utilízano como prnl. (Cab., Camba., Cerd2, Codeso., Gui., Hermi., Mel1, Mez., Xudán1).

6837 **expulsar** *v.* Expulsa-las envolturas fetais [unha vaca]. (CarbCo).

6838 **ghastear** *v.* Expulsa-las envolturas fetais [unha vaca]. A nosa fonte escribe *jastear*. Chama a atención que se denomine a expulsión das envolturas fetais cunha palabra que preferentemente denomina a acción de defecar. (Sende.).

6839 **libertar** *v. Ú. t. c. prnl.* Expulsa-las secundinas [unha vaca]. En Cur. tamén é pronominal (*libertarse*). Lémbrese que Carr-G nos daba

vaca liberta como vaca acabada de parir. (Aranga, Caa., Cur., Feás-A, Meir., Pal., Taboa., Vilar.).

6840 **librar 2** *v. Ú. t. c. prnl.* Expulsa-las secundinas [unha vaca]. Arme. defíneo como "prolapso de matriz". Recollemos esta información pero marcámola como dubidosa, porque sospeitamos que aquí houbo unha falta de entendemento entre o colector da información -que tiña que preguntar cómo se di *salírsele la matriz a la vaca*- e o informante -que lle contestou cómo se di *expulsar las envolturas fetales*-. Parécenos inverosímil que un gandeiro poida confundir bota-las libracións -fenómeno normal e habitual despois do parto- cun prolapso de matriz -fenómeno patolóxico e afortunadamente infrecuente-, confusión que sí resulta crible no lingüista que fixo a enquisa. Recollen a forma pronominal Alla2, Anseán, Beman., Caa., Car2, Carño2, Cere., Cervá1, Cervá2, Codeso., Corre., Culle., Cur., Estr4, Fol-LE, Fuxás, Grixoa, Lagar., Lucí, Medín, Noal, Nove., Oroso2, Pedro., Piñe., Pre., Rib-S, Ribó, Sende., Tapia-C, Vi-Val. (Común. ILG:129 (C:61, LU:18, OU:18, PO:30, GExt.:2)).

6841 **librare** *v.* Ver LIBRAR 2 /6840. (Ces., Razo).

6842 **limpar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Expulsa-las secundinas [unha vaca]. Abadín e Leir-A recollen a forma pronominal *limparse*. (Abadín, Gond., Leir-A).

6843 **quitar 1** *v.* Ver DESQUITAR 1 /6833. (Cabal., Mira.).

6844 **botar a vexigha** *loc. v.* Expulsa-las envolturas fetais [a vaca]. A nosa fonte escribe *votar a vexija*. (Suevos).

6845 **botar as cuitas** *loc. v.* Ver BOTAR AS QUITAS /6851. A nosa fonte escribe *votar as cuitas*. (Carr-C, Saiar, Viso1, Viso2).

6846 **botar as esparias** *loc. v.* Ver BOTAR AS PARIAS /6850. A nosa fonte escribe *votar as esparias*. (Valen).

6847 **botar as libracións** *loc. v.* Ver BOTAR AS PARIAS /6850. (Callo).

6848 **botar as libradeiras** *loc. v.* Ver BOTAR AS PARIAS /6850. A nosa fonte escribe *votar as libradeiras*. (Bar-Co).

6849 **botar as pairas fóra** *loc. v.* Ver BOTAR AS PARIAS /6850. A nosa fonte escribe *botar as pairas fora*. (Guil2).

6850 **botar as parias** *loc. v.* Expulsa-las envolturas fetais [a vaca]. (Frei., Morga., Mosen., Randu., Viso2).

6851 **botar as quitas** *loc. v.* Ver BOTAR AS PARIAS /6850. A nosa fonte escribe *votar as quitas*. (Lendo, Lestón, Morai., SComba).

6852 **botar as quites** *loc. v.* Ver BOTAR AS PARIAS /6850. A nosa fonte escribe *votar as quites*. (MCouso).

6853 **librar as parias** *loc. v.* Ver BOTAR AS PARIAS /6850. (Oliv.).

6854 **tira-las erguitas** *loc. v.* Ver BOTAR AS PARIAS /6850. (Laxosa).

6855 ***salir as liras** *loc. v.* Expulsa-las secundinas [a vaca]. Ver LIRAS 2 /6807. (Laraxe).

7.6.5. O cordón umbilical

6856 **biligueira** *s.f.* Cordón umbilical. (Piquín).

6857 **cadixo** *s.m.* Ver CADILLO 1 /6858. Barcia escribe *cadijo*. (Barcia, ERGa, XLFG).

6858 **cadillo 1** *s.m.* Cordón umbilical. FA escribe *cadiyo*. (Barcia, Ced, DRAG, ERG, FA, IBA, LCA1, MLP, Per., XLFG).

6859 **cicel** *s.m.* Cordón umbilical. (Cur.).

6860 **cincel** *s.m.* Cordón umbilical. (Com1, Goi, Marín, Ram.).

6861 **embigueira 2** *s.f.* Cordón umbilical. (Piquín).

6862 **envide** *s.m.* Parte do cordón umbilical que queda unida á placenta despois de corta-la comunicación co feto. (IBA, LCA1).

6863 **envite** *s.m.* Ver ENVIDE /6862. ... *cortando o envite ou anaco de cordón umbilical*. (LG).

6864 **guía** *s.f.* Cordón umbilical. (Cab, Toba, Vala, XLFG).

6865 **remo** *s.m.* Cordón umbilical. (AO2).

6866 **verillo** *s.m.* Cordón umbilical. A nosa fonte escribe *berillo*. (Gun).

6867 **vide** *s.f.* Cordón umbilical. XLFG tamén escribe *bide*. (ERG, ERQ3, LCA1, XLFG).

6868 **videira** *s.f.* Ver VIDE /6867. (ERGa, JMP, LCA1, XLFG).

6869 **videiro** *s.m.* Cordón umbilical. *O becerro aliméntase polo videiro*. ERQ localízao no sureste de Ourense. (Ctel1, ERQ2).

6870 **vidón** *s.m.* Cordón umbilical. (JMP).

6871 **vidra** *s.f.* Cordón umbilical. Com1 escribe *bidra*. (Com1, LCA1).

6872 **vidueiro** *s.m.* Cordón umbilical. (Sang.).

6873 **vrenza** *s.f.* Cordón umbilical. (ERQ1).

6874 **corda do embigo** *s.comp.f.* Cordón umbilical. (DRAG2).

6875 **cordón do embigo** *s.comp.m.* Cordón umbilical. (DRAG2).

6876 **cordón embigal** *s.comp.m.* Cordón umbilical. (Com1).

6877 **cordón umbilical** *s.comp.m.* Órgano semellante a un cordón formado por vasos sanguíneos que transportan o alimento ó feto durante a xestación. (DRAG2).

7.7. A lactación

7.7.1. O costro

É unha secreción elaborada polo ubre nos días seguintes ó parto (e ás veces tamén nos días inmediatamente anteriores ó mesmo), de cor cremosa ou amarela e moi densa, que se transformará en leite propiamente dito ó cabo de 2-4 días [165]. O costro caracterízase pola súa riqueza en graxa (un 6,7%, o dobre no momento do parto que 24 horas despois), en carotenos (que lle dan a súa cor amarelenta característica) e, o que é máis importante, en proteínas (un 15-20%, catro veces máis no momento do parto que ás 24 horas). O 50% das proteínas totais son inmunoglobulinas, é dicir, anticorpos que protexen o becerro contra as infeccións nos primeiros días de vida [166]. A causa desta riqueza en proteínas (albúminas e globulinas), o costro calla con facilidade cando se ferve [167]. Tamén é especialmente rico en leucocitos e outras células que conteñen numerosos enzimas que interveñen na dixestibilidade do propio costro.

A función fisiolóxica do costro nos mamíferos é triple: proporcionar anticorpos ó recén nacido, proporcionarlle enerxía abondo para combate-la posible hipotermia tralo parto e actuar como laxante para axudar a expulsa-lo meconio e facilita-lo inicio do tránsito intestinal.

Para garantir unhas boas defensas do becerro e unha protección suficiente, aconséllase que tome non menos de 4 litros nas primeiras seis horas tralo parto, intentándose por tódolos medios que o cuxo mame nos 15-20 primeiros minutos despois de nacer. Esta urxencia débese a que a absorción intestinal dos anticorpos se reduce drasticamente ás poucas horas do nacemento, sendo nula unha vez transcorridas 24 horas.

Aconséllase ter na casa algunha cantidade de costro conxelado, obtido nun parto anterior ou doutra vaca da mesma explotación, para supli-la produción insuficiente nos casos dunha vaca que pare sen dar costro ou cando o dá dunha baixa calidade, dunha vaca con mamite ou no caso dunha xovenca de primeiro parto. Sen se-lo mesmo có *costro natural*, sempre proporcionará ó becerro unha maior protección que un costro de calidade deficiente.

Non obstante, e a pesar da demostrada conveniencia de que os becerros mamen os costros, hai quen os desbota por consideralos prexudiciais: *O primeiro leite que dan as vacas hai que tira-lo para que non se poñan doentes ou morran as crias por mamar os primeiros costros* (Parade.:275).

6878 ***colastro** *s.m.* Ver COSTRO 1 /6887. (Covas).

6879 ***colistros** *s.m.pl.* Ver COSTRO 1 /6887. (Fol-LE).

6880 ***colostro** *s.m.* Ver COSTRO 1 /6887. (Dozón, ERG).

6881 **costes** *s.m.pl.* Ver COSTRO 1 /6887. (Anca, Negra.).

6882 **costo** *s.m.* Ver COSTRO 1 /6887. (Carr-C).

6883 **costra 1** *s.f.* Ver COSTRO 1 /6887. Ignoramos se é substantivo ou adxectivo. Nesta e noutras voces semellantes cabe a posibilidade de que os informantes confundan este líquido dos últimos meses da preñén co costro que os mesmos ubres segregan nos días inmediatamente posteriores ó parto. A cera é unha secreción mucosa e pegacenta que nada ten que ver co leite nin co leite costro. De feito en Arca distinguen *costro* e *costro peghañoso* que sería esta primeira secreción. E en Xudán1 chaman claramente *cuestro* á cera e *leite tenreiro* ó costro. É dicir, denominacións parecidas para realidades distintas e distinguidas. Tamén é posible que distingan nas outras localidades pero na forma en que nos chega a información non temos maneira de sabelo. (Alla2, Cang2, CarbCo., Cerd2, Couso, Estr3, Neves2).

6884 **costre 1** *s.m.* Ver COSTRO 1 /6887. (Agro., Anseán, Covas, Figue1, Figue2, Fuxás, Lago, Lucí, Oirós, Ortoño, Tab1, Teo, Vi-Val).

6885 **costrea** *s.f.* Ver COSTRO 1 /6887. (Laxosa).

6886 **costreal** *s.m.* Ver COSTRO 1 /6887. (Rábade).

6887 **costro 1** *s.m.* Leite especialmente rico en graxa e proteínas que dá a vaca (e tódalas femias dos mamíferos) nos primeiros días despois do parto. (Común. ILG:48 (C:24, LU:18, OU:6)).

6888 **costros 1** *s.m.pl.* Ver COSTRO 1 /6887. Parade. engade que con estes costros se fan os *freixós*,

[165] Tecnicamente, o verdadeiro costro é o producido na primeira muxidura, e nas sucesivas debería falarse de *leite de transición*, cunha composición que vai evoluíndo ata achegarse á do leite enteiro normal.

[166] Cómpre ter en conta que, nos becerros, os anticorpos da nai non son quen de atravesaren a placenta, polo que o becerro nace sen anticorpos, é dicir, sen protección inmunitaria. A inmunidade pasiva que lle proporciona a nai resúltalle imprescindible. Tampouco existe transmisión de anticorpos a través da placenta nos équidos, ó contrario do que acontece nos primates –incluído o home- e nos roedores, nos que a placenta é permeable ós anticorpos.

[167] Por esta razón o leite para consumo humano non pode levar costros.

engadindo olmo de fariña ou tamén requeixo. (Común: Alence, Amandi, Antas3, Arme., Barre., Beman., Ben., Burgo, Cabal., Carb3, Carde., Cervá2, Chan., Codeso., Consta., Corre., Cubi2, Culle., Cur., Dis., Gud., Gud5, Gui., Laiosa, Lava., Laxosa, Lendo, Lestón, Meira2, Mon., Mondo1, Mondo2, Negral, Nive., Noalla, Noice., Oirán, Oroso2, Oza, Pade., Parade., Parga, Pedro., Penela, Piñe.,Poulo, Pravio, Pre., Rábade, Rendal, Ribe1, Rus, Samos3, Santi., Sende., Sete-L, Sofán, Taboa., Veste., Vixoán., Vmaior., Vviño).

6889 **crosto** *s.m.* Ver COSTRO 1 /6887. (LimiaB).

6890 **crouchos** *s.m.pl.* Leite costro. (Morga.).

6891 **formigho 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver FORMIGO 2 /6892. As nosas fontes escriben *formijo* (Tab3) e *formijos* (Enxames). (Enxames, Tab1).

6892 **formigo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Primeiro leite da vaca ou costro. Úsase na locución *estar de formigos*: estar nos días inmediatos ó parto. A nosa fonte en Ribó especifica: "despois do segundo día". (Amandi, Burela1, Caban., Cadrón, CP, Dis., ERG, Meir., Ribó, Sete-L, Vrei., XER, Xun.).

6893 **formigós** *s.m.pl.* Ver FORMIGO 2 /6892. Coma noutras informacións de Sabu3 temos dúbidas da fidelidade na recollida. Neste caso, de que a palabra sexa aguda. (Sabu3).

6894 **fornigo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver FORMIGO 2 /6892. (Vill-O).

6895 **furmigho** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver FORMIGO 2 /6892. Car2 escribe *furmijos*, con marca de gheada e en plural. (Car2, Vil.).

6896 **leite 3** *s.m.* Leite costro. Tomada en serio esta información parecería que en Rib-S non distinguisen entre *leite* e *costro* (de feito en Anseán chámanlle a este "o primeiro leite") pero esa hipótese parece inverosímil nunha zona de tan rico vocabulario, onde tamén vemos *picarreixes*, *picarreixas* e *cuestro*. Conservámola, por fidelidade coas nosas fontes, pero inclinámonos a pensar, máis ben, que a persoa concreta que recolleu a información non recoñeceu a diferenza. (Rib-S).

6897 **merruxo** *s.m.* Leite costro. (Viso1, Viso2).

6898 **mosto 2** *s.m.* Leite costro. En Lampón recolliamos *mosto* co significado de líquido viscoso e pegacento que deitan os tetos antes do parto, un dos signos de preñez que observa o gandeiro. Sorprende que o outro informante do concello de Lousame denomine a mesma realidade como *costro*. (Vcova).

6899 **picarreixes** *s.m.* Leite costro. (Suarna).

6900 **quiostro** *s.m.* Leite costro. (Porto).

6901 **tenrizo** *s.m.* Leite costro. Supoñemos que é substantivo, aínda que non o sabemos certo. (Arroxo).

6902 ***calostro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver COSTRO 1 /6887. En plural recólleno Ancares2, Couso e CTui. No Bierzo VGR recolle tamén o verbo *calostrar*. *Un gusto muy ancarés es el de tomar 'o leite cuallao', e incluso 'os calostros', es decir, la leche de la vaca recién parida durante los dos o tres primeros días* (Ancares2:97). (Ancares2, Barre., Com1, Conxo, Couso, CTui, ERG, Frei., LG, Mel2, Ped1, Tabor., XER).

6903 ***cuestres** *s.m.pl.* Ver COSTRO 1 /6887. (Ancares2).

6904 ***cuestro** *s.m. Ú. t. en pl.* Ver COSTRO 1 /6887. En Xudán1, o informante define esta voz como "líquido viscoso que segregan as vacas se non están preñadas". Pode ser un erro, pero xa vimos outros casos nos que se denomina esa *cera* con denominacións iguais ou semellantes ás do *costro*. (Ancares2, Burón, Suarna, Xudán1).

6905 **leite amarelo** *s.comp.m.* Leite costro. A denominación obedece á cor do costro, debida á rúa riqueza en graxa, en contraposición coa cor branca do leite *normal*. (Busta.).

6906 **leite azulada** *s.comp.f.* Leite costro. (Baltar).

6907 **leite calostro** *s.comp.m.* Ver LEITE COSTRO /6911. (ERG, VFrore.).

6908 **leite costo** *s.comp.m.* Ver LEITE COSTRO /6911. (Ces.).

6909 **leite costra** *s.comp.f.* Ver LEITE COSTRO /6911. A nosa fonte (Rus) defínea como "cera ou recina". (Nove2, Rus).

6910 **leite costre** *s.comp.f.* Ver LEITE COSTRO /6911. (Anseán, Caa., Cab., Teo).

6911 **leite costro** *s.comp.m.* Primeiro leite que dá a vaca. (Cod., Com1, Cur., Dum., Fri., Grixó, Incio, Razo, Toba, Vilaf. ILG:67 (C:27 LU:4, OU:6, PO:30)).

6912 **leite costrosa** *s.comp.f.* Ver LEITE COSTRO /6911. (Grixoa).

6913 **leite costroso** *s.comp.m.* Ver LEITE COSTRO /6911. (Com1).

6914 **leite de costro** *s.comp.m.* Ver LEITE COSTRO /6911. (Cervá1).

6915 **leite de fresco** *s.comp.m.* Leite costro. (LG, Toba, XER).

6916 **leite dos costros** *s.comp.m.* Ver LEITE COSTRO /6911. (Negral).

6917 **leite dos formigos** *s.comp.m.* Primeiro leite ou costro. (Gui., LG, Sabu2, XER).

6918 **leite formigueiro** *s.comp.m.* Ver LEITE DOS FORMIGOS /6917. (VFrore.).

6919 **leite ghorda** *s.comp.f.* Leite costro. A nosa fonte escribe *leite jorda*. (Fózara).

6920 **leite groucho** *s.comp.m.* Leite costro. Lémbrese que *grouchós* é o nome dunhas papas que se fan con este leite costro. (Bolo2, Peno.).

6921 **leite mala** *s.comp.f.* Leite costro. Esta e a de Gondomar (*non valer aínda o leite*) son as únicas calificacións negativas (e obxectivamente erróneas) do leite costro, que, a pesar da súa fea aparencia, constitúe un imprescindible elemento da primeira lactancia que a natureza

sabiamente dispuxo. A lexislación alimentaria esixe que o leite recollido nas explotacións para consumo humano estea libre de costro, non tanto porque sexa nocivo para a saúde senón porque non resistiría un tratamento de hixienización, obrigatorio para o leite. (Baltar).

6922 **leite nova** *s.comp.f.* Ver LEITE NOVO /6923. (Suevos).

6923 **leite novo** *s.comp.m.* Leite costro. (Crendes).

6924 **leite primeiro** *s.comp.m.* Leite costro. (Anseán).

6925 **leite primeriza** *s.comp.f.* Ver LEITE PRIMEIRO /6924. (Guil2).

6926 **leite tenreiro** *s.comp.m.* Leite da vaca parida de pouco. En Cedofeita dano como substantivo. Cfr. TENREIRA 3 /6713. O noso informante en Bar-Co indica xénero feminino: *a leite tenreiro*, pero nótese que escribe *tenreiro*, en masculino. (Bar-Co., Ced., DRAG2, Fara., Piquín, Ribó, Xudán1).

6927 **leite *amarillo** *s.comp.m.* Ver LEITE AMARELO /6905. (Sende.).

6928 **costrear 1** *v.* Empezar a segregar costro [unha vaca] pouco antes de parir. (Cam4, Parade., Ped1, Piquín, Zolle).

6929 **encostrar** *v.* Ver COSTREAR 1 /6928. (Cervá1, Cervá2).

6930 **estar costroso** *loc. v.* Ter [o leite] aínda algo de costro e non a composición normal. (Grixó).

6931 **non valer aínda o leite** *loc. v.* Ser [o leite costro] inadecuado para o consumo humano. (Gond.).

Despois de agosto faise o costro. (VS) [168]

O costro de agosto saca o magosto. (VS) [169]

7.7.2. Dar leite

6932 **aleitar 2** *v.* Ver ALEITOAR /6933. (ERG, Piquín).

6933 **aleitoar** *v.* Dar leite [as femias de algúns animais domésticos]. *Tèn unha vaca que aleitoa oito netos de leite cada día*. (ERG, San.).

6934 **ameter 1** *v.* Empezar a brotar [o leite] do ubre da vaca. Piquín define así: "Aumentar, hablando de la leche o de una fuente". (LP2, Piquín).

6935 **leitar 2** *v.* Dar leite [unha vaca]. (LG).

6936 **abranda-lo ubre** *loc. v.* Estimula-la excreción de leite mediante masaxes ou achegándolle o becerro. (Ameixe.).

*Cando o mar está de leite, *hasta as cabras non-o dan.* (VS) [170]

7.7.3. O leite contido no ubre

O tecido glandular do ubre, cando a vaca está de leite, está segregando leite continuamente, acumulándose este nos condutos excretores e, en menor proporción, no seo galactóforo, aproveitando a elasticidade da pel e do propio tecido glandular. No teto existen uns aneis contráctiles que impiden a saída do leite e que só se relaxan baixo a acción da oxitocina que se libera ó chega-lo becerro ou coa masaxe do gandeiro. A muxidura baleira a glándula case totalmente, e esta vólvese encher con nova produción de leite. A cantidade de leite que se pode acumular no ubre entre muxidura e muxidura é moi variable e depende de moitos factores (raciais, capacidade leiteira da vaca, idade, momento da lactación, alimentación, enfermidades, eficacia e frecuencia do munxido etc.). Unha vaca de gran produción leiteira pode chegar a almacenar ata 10 litros de leite por cuarteirón.

6937 **apoxada 2** *s.f.* Ver APOXO 3 /6938. (Carbal.).

6938 **apoxo 3** *s.m.* Cantidade de leite que a vaca ten no ubre. (Pre.).

6939 **cachada** *s.f.* Cantidade de leite que a vaca ten no ubre. (Antas3, Tab1, Veste.).

6940 **canada 3** *s.f. meton.* Cantidade de leite que a vaca ten no ubre. (Abe., Ben., Meir., Mondo2, Negral, Piñei2, TapiaC, Vixoán.).

6941 **costras 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Cantidade de leite que a vaca ten no ubre. Sospeitamos que teña que ver con *costro*. (Boi.).

6942 **leitada** *s.f.* Cantidade de leite que a vaca ten no

[168] No texto: *d'agosto*.

[169] No texto: *d'agosto*.

[170] Refrán que constata unha antítese manifesta entre a escuma branca do mar e o leite. Cando hai vendaval, o mar revólvese e bate con forza contra a costa formando así abundante escuma que cobre inmensas superficies que parecen un xigantesco tanque de leite. Diferentes gandeiros constatan que nesas circunstancias baixa a produción de leite das vacas. A explicación que nos dan é que o vento desacouga os bovinos moito máis có frío intenso. E posiblemente a iso se deba tamén o feito de que nos sesteiros ó mediodía as vacas descansan mirando cara onde vén o aire para que non lles levante o pelo. O refrán non fala da mingua da lactación das vacas pero dáa por suposto afirmando que, nesas circunstancias, nin as cabras o dan. Constatamos, a pesar de todo, un informante mariñeiro no Grove que nos di que *esta-lo mar coma o leite* é "haber calma podre".

ubre. A nosa fonte escribe *aleitada* en Carño2. (Carño2, Estr4, Pal., Vxoán.).

6943 **monxedura** *s.f.* Ver MUXIDURA 2 /6947. (Barre.).

6944 **moxedura 2** *s.f.* Ver MUXIDURA 2 /6947. (Fri.).

6945 **munguidura** *s.f.* Ver MUXIDURA 2 /6947. (Bolo, Peno., Sabu2).

6946 **muxedura** *s.f.* Ver MUXIDURA 2 /6947. (Lañas).

6947 **muxidura 2** *s.f.* Cantidade de leite que a vaca ten no ubre. (Dozón, Estr3, Negr2, Ped1, Rus, Vi-Val.).

6948 **oubrada** *s.f.* Ver UBRADA 1 /6957. Supoñemos que o ditongo inicial procede por fonética sintáctica do encontro vocálico *a+u* do artigo feminino *a* co substantivo *ubrada*. (Vi-Val.).

6949 **peitada** *s.f.* Cantidade de leite que a vaca ten no ubre. (Vnova2).

6950 **remollada** *s.f.* Cantidade de leite que a vaca ten no ubre. (Burón, Cang3, Ced., Com1, Cubi2, Eixo, Laxe, Laxosa, LG, Mondo1, Negral, Neves2, Piñei2, Piquín, Pravio, Suarna, Troán1, VFrore., Vill-O, Xeve, Xudán1).

6951 **remollado** *s.m.* Ver REMOLLADA /6950. (Piquín).

6952 **remullada** *s.f.* Ver REMOLLADA /6950. (Sabu3).

6953 **repocha** *s.f.* Ver REPOCHADA /6954. (Abadín).

6954 **repochada** *s.f.* Cantidade de leite que a vaca ten no ubre. (Meira2, Oirán).

6955 **repocho** *s.m.* Ver REPOCHADA /6954. (Damil, Mira., Parga).

6956 **repuxada** *s.f.* Ver REPOCHADA /6954. (Taboa.).

6957 **ubrada 1** *s.f.* Cantidade de leite que ten o ubre da vaca. (Anseán, Aranga, Arca, Burgo, Cab., Ces., Com1, Dúas, Figue2, Fol-C, Grixoa, Laiosa, Leir-A, LG, Mosen., Nive., Nove2, Oroso1, Pade., Pedro., Penela, Ribe1, Sob., Val-LE, Vmaior, XER).

6958 **ubrador** *s.m.* Ver UBRADA 1 /6957. (Carr-G).

6959 **ubreira 2** *s.f.* Ver UBRADA 1 /6957. (Baltar, Buga-N).

6960 **xunta de leite** *s.comp.f.* Cantidade de leite que a vaca ten no ubre. (Peroxa).

6961 **amorrar** *v.* Abundar [o leite] no ubre da vaca. (VLLM).

6962 **te-lo ubre (mui) cheo** *loc. v.* Te-lo ubre gran cantidade de leite no seu interior. As nosas fontes dan como lema *ubre (mui) cheo*. (Carr-C, Melias, Teo).

6963 **ter leite por litros** *loc. v.* Ter gran cantidade de leite no ubre [a vaca]. (Casal.).

6964 **ter na ubre por cuartillos** *loc. v.* Ter gran cantidade de leite no ubre [a vaca]. (Lago).

6965 **traer moita leite** *loc. v.* Ter gran cantidade de leite no ubre [a vaca]. (PSil).

7.7.4. O becerro

O becerro, en condicións normais, comeza a mamar ás 2-5 horas despois do nacemiento. Nas primeiras horas de vida, oriéntase cara á nai por medio de estímulos olfactivos, sempre axudado activamente por ela mediante movementos adecuados, e pouco tempo despois intervén tamén o sentido da vista nesta misión.

O gandeiro participa tamén nestes primeiros coidados á cría e bótalle sal na boca (Cam2) nun intento de estimula-lo instinto de mamar, ou, cando nace moi débil, cólgano polas patas traseiras e danlle unha toma de viño tinto (Arca).

Na Gudiña, para previ-lo becerro das influencias maléficas de meigallos, mal de ollo, envexas etc., adoitan poñerlle no pescozo un colar de corda, ás veces con nove nudos (Gud7: 52).

Luciano Castañón asegura que os campesiños prefiren as crías femias.

> *Sabemos que los campesinos tenían preferencia por las crías hembras; de ahí que Alejandro Casona, en 'La Dama de Alba', haga decir a la Sanjuanera 2ª: 'Yo ya he puesto al sereno la sal para las vacas. Dándosela con el orvallo del amanecer, siempre paren hembras* (LC:305).

Canto ás denominacións populares que recibe o becerro, remitimo-lo lector ó apartado correspondente do capítulo 2.1.5.1. *Exterior: o becerro*.

6966 **nación 2** *s.f.* Cría. (Piquín).

6967 **coleón** *adx.* [Becerro] que lle dá puxos ó ubre cando mama. (Mra.).

6968 **encanicarse** *v.* Poñerse dereitos (como unha cana) [os becerros que acaban de nacer]. *O becerro ó pouco de nascer, xa se encanicou pra mamar*. (Parade.:340).

7.7.5. Mamar

Ó mamar, o becerro permanece en postura paralela á nai pero coa cabeza en dirección contraria e erguida. Son decisivos, como xa dixemos, os estímulos olfactivos na identificación da nai por parte da cría, e ó contrario: a identificación por parte da vaca realízase na rexión anal do becerro. Os becerros estraños non son polo xeral tolerados, sendo rexeitados mediante suaves golpes coa cabeza ou coas extremidades posteriores.

O tempo de succión do becerro dura uns 3-5 segundos por teto e o período total de succións sucesivas, por tetada, alcanza de 10 a 15 minutos.

Como dixemos, o habitual é que, para mamar, o becerro se poña en paralelo á nai pero coa cabeza en dirección contraria e erguida e polo lado esquerdo e así o representan habitualmente os escultores, pintores e debuxantes, que tamén se chama *o lado da cría.* Consecuentemente mulleres e homes adoitan muxir polo lado dereito, tamén chamado *o lado da dona*; pero aquí curiosamente os artistas tenden a poñe-los muxidores polo lado esquerdo, porque tenden a debuxar todo o que ten ollos mirando á súa esquerda.

En calquera caso, ó becerro a vaca déixao entrar a mamar por calquera lado; mesmo por detrás, cousa que de primeiras non sempre llo consente á persoa que a queira muxir.

6969 **mama 2** *s.f.* Período de lactación, tempo durante o que as crías son amamantadas. (XER).

6970 **lado da cría** *s.comp.m.* Costado da vaca polo que vai mama-lo becerro: adoita se-lo esquerdo. Ver LADO DA DONA /10232 na epígrafe 9.3.4. *O gando e o gandeiro: muxir*. (Ctel1).

6971 **aleitar 1** *v.* Dar de mamar [a femia] á súa cría. (Burón, Cab., Ced., Cre., Cur., ERG, Mel1, Piquín, Sob.).

6972 **amamantar** *v.* Dar de mamar [a femia] á súa cría. (XER).

6973 **amamar** *v.* Ver AMAMANTAR /6972. (Ped.).

6974 **amamentar** *v.* Ver AMAMANTAR /6972. (DRAG, ERG).

6975 **apoxar 3** *v.* Poñer [o becerro] a mamar. (Caa.).

6976 **ater 2** *v.* Suxeitar [o becerro acabado de nacer] e introducirlle o teto da vaca na boca, para que se afaga a mamar. "Después que la madre ha lamido la cría se procede a *atela* y cerciorados de que mama sin dificultad alguna no se le prestan mas cuidados, de momento" (Gud7:52). "*Ater*: introducir la teta en la boca de la cría recién nacida para que se acostumbre a mamar" (Gud7:67). (Gud7, Piquín).

6977 **atetar** *v.* Dar de mamar [ó becerro]. (ERG).

6978 **emparellar** *v.* Botar [unha cría que queda sen nai] a outra vaca con leite para que a alimente. (LG:15.03.98).

6979 **mamar** *v.* Zuga-lo leite do ubre da vaca. (Común).

6980 **soghar** *v.* Zuga-lo leite do ubre da vaca. *Hai que lle saca-lo cucho á vaca que a sogha, que acaba con ela!* (Ameixe.-).

6981 **botar a mamar** *loc. v.* Poñer [o becerro] a mamar. -*¿Cómo hei de munxir as vacas e botar os becerros a mamar, homiño de Dios, se a única becerra que tiña matéina o víspera pra poder faguer a cena de todos?*. (FINGOI:218).

A becerriña mansa a tódalas vacas de leite mama. (ERG:becerriña)
Becerro manso, mama a súa nai e a outras catro. (ERG:becerro) [171]
Cuxo mansiño de tódolos tetos mama. (VLLM:1,152) [172]
O becerriño manso mama a súa nai e a outras catro. (ERG:mamar) [173]
Pucho mansiño de todas as vacas zuga. (VLLM:1,152) [174]
Xatiña menga a tódalas vacas zuga. (VLLM:1,156) [175]
Xatiño manso zuga á súa nai e mais a outras catro. (VLLM:1,156) [176]
Becerro mamón non mama deitado. (XTC4)
Cuxo mamote ben dorme. (VLLM:1,156) [177]
Puchiño mamote ben dorme. (VLLM:1,156)
Xatiño mamote ben dorme. (VLLM:1,156)
Femia regalada que esté criando, en leite con usura está pagando. (VS) [178]

[171] ERG: *sua*. Lence Santar recólleo así: *Ô qu'é manso vaille ben. Por eso un becerro manso mama n-os tetos da sua nai e mais n-os de outras vacas* (Mondo4:34).

[172] Llópiz: *tódal-os*; define *Cuxo* como *ternerillo mamón*. Recólleo de A. Abelaira (*Folklore de La Capela*).

[173] ERG: *sua*.

[174] Llópiz recólleo en Serantellos, ó pé de Ferrol, de E. Mayobre.

[175] Llópiz define *menga* como mansa (Cf. var. *Xatiño manso ...*). Cita un refrán latino *Vir oboediens loquetur victoriam* que, no texto orixinal (Proverbios 21,28) ten o senso de *Quen saiba escoitar falará o último*; quere dicir que quen está caladiño ó abrigo do loureiro é moitas veces quen en fin de contas máis proveito tira dunha situación.

[176] Llópiz: *â sua*; recólleo de L. Páramo no Páramo (Sarria).

[177] Llópiz di que alude ós cuxos que maman moito e mesmo os meniños ben criados e fortes, que comen ben. Recólleo, como as dúas variantes que seguen, de J.M. Agromayor (*Ferias y costumbres*, Sarria 1952).

[178] Esta paremia, coma outras que de Jacinto del Prado recolle Vázquez Saco, ten trazas de ser unha máxima de autor, non un refrán, aínda que aquel o dá como tal.

Xatiña brava pouco mama. (VLLM:1,156) [179]
Xatiña que soe zugar, póusalle o padar. (VLLM:1,156) [180]

Dime, leiteira de Arroxo:
¿Con que aleita-lo teu xato
traguendo sempre pra a vila
xarros de leite tamaños? [181]

7.7.6. Golpea-lo becerro no ubre

Na baixada de leite ou **exección** interveñen factores nerviosos e hormonais. Os golpes que dá o becerro contra o ubre estimulan os receptores sensitivos dos tetos, estímulo que chega ó hipotálamo e que provoca a liberación de oxitocina e prolactina polo lóbulo anterior da hipófise. Estas hormonas provocan a contracción das fibras musculares que rodean os alvéolos e dos condutos excretores do ubre, causando así a expulsión do leite.

Os gandeiros tratan de imita-lo mesmo fenómeno coa masaxe que dan no ubre antes de empezaren a muxi-la vaca, á vez que aproveitan para facer un lavado e desinfección do ubre e dos tetos, imprescindible para a obtención hixiénica do leite.

6982 **apochada** *s.f.* Ver APOXA /6983. (Laxe).
6983 **apoxa** *s.f.* Golpe que dá o becerro contra o ubre da vaca para que baixe o leite. (Cab., Codeso., Negr2, Ortoño, Poulo, Vviño.).
6984 **apoxada 1** *s.f.* Ver APOXA /6983. (Cruído, Culle., Frei., Valad1).
6985 **apoxadura** *s.f.* Ver APOXA /6983. (Ces.).
6986 **apoxo 2** *s.m.* Ver APOXA /6983. (Cast., Pade., Razo, Ribe1, Sofán).
6987 **apuxa** *s.f.* Ver APOXA /6983. (Codeso., Com1, Lava., Pedro.).
6988 **apuxada** *s.f.* Ver APOXA /6983. (Boi., Noal).
6989 **apuxón** *s.m.* Ver APOXA /6983. (Callo., SComba).
6990 **buchada 2** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Bolo, Peno.).
6991 **cabesada** *s.f.* Ver CABEZADA 1 /6992. (Sisán).
6992 **cabezada 1** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. En plural recólleo Buga-N. (Abe., Buga-N, Cabal., Ced., CTui, VFrore.).
6993 **cabezado** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CABEZADA 1 /6992. Úsase na expresión *poxar cabezados*. (Tabor.).
6994 **cotexón** *s.m.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Buga-A).
6995 **coxazo** *s.m. Ú. m. en pl.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (CReis2, Saiar).
6996 **cuxada** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Nive.).
6997 **empuxón** *s.m.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Guil2).
6998 **focicada** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Vill-O).
6999 **fouzada** *s.f.* Ver FOZOADA /7000. (Ben.).
7000 **fozoada** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Oirán).
7001 **fozuada** *s.f.* Ver FOZOADA /7000. (Gui.).
7002 **fumada** *s.f. Ú. m. en pl.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Pravio).
7003 **fusiñaso** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver FOCICADA /6998. (Rama.).
7004 **gholpe** *s.m.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. A nosa fonte escribe *jolpes*. Conxo e Pre. recólleno en plural. (Arca, Conxo, Pre.).
7005 **golpeada** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Vcova).
7006 **mazazo** *s.m. Ú. m. en pl.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Fol-LE).
7007 **petada** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Aranga, Cur1, Gui.).
7008 **peto** *s.m.* Ver PETADA /7007. (Parga).
7009 **petuada** *s.f.* Ver PETADA /7007. (Gui.).
7010 **poxa 1** *s.f.* Ver APOXA /6983. (Car2, Vilar).
7011 **poxada** *s.f.* Ver APOXA /6983. (Abe., Arzón, Cer., Oroso1, Valad2).
7012 **puxa 1** *s.f.* Ver APOXA /6983. (Com1, Taboa., Teo).
7013 **puxada** *s.f.* Ver APOXA /6983. (Com1, Covas, Estr3, Figue2, Laraxe, LG, Lucí, Neda, Nove2, Rib-E, Tab1, Vi-Val., Vmaior).

[179] Llópiz explica que é porque manca á nai e esta resístese a deixarlle o ubre.
[180] Llópiz: *pâdar*; di que xa está en Bluteau.
[181] MLP2:03, MLP3:210. No texto: *con qué aléital-o* (MLP2); *aleitas o* (MLP3). Leiras explica que Arroxo é un outeiro cun burgo de casas que hai indo de Mondoñedo a Vilanova.

7014 **puxo 2** *s.m.* Ver APOXA /6983. (Com1, LG, Peroxa, Xeve).
7015 **puxón** *s.m. Ú. t. en pl.* Ver APOXA /6983. En plural recólleno Lagar. e CarbCo. (Agro., CarbCo., Estr4, Lagar., Rendal, Sisto, Somo1).
7016 **repotón 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver APOXA /6983. (Neves2).
7017 **repuxón** *s.m.* Ver APOXA /6983. (Com1).
7018 **ropexo** *s.m.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. Voz única con este significado e que pode ser confusión do colector ó escribir *sopexo*, que temos localizada en varios lugares. (Cere.).
7019 **sabacón** *s.m.* Ver SOPEXO /7037. A nosa fonte escribe *savacón*. (PSeca).
7020 **sacudida** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Grixoa).
7021 **sobaca** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Dum.).
7022 **sobacada** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. En plural recólleo Baíñas. A nosa fonte escribe *sovacada*. (Baíñas, Vtose.).
7023 **sopapo** *s.m.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Xudán1).
7024 **sopechada** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Veste.).
7025 **sopechón** *s.m.* Ver SOPEXO /7037. (Carr-C).
7026 **sopeghón** *s.m.* Ver SOPEXO /7037. A nosa fonte escribe *sopejón*. (Lendo).
7027 **sopeixo** *s.m.* Ver SOPEXO /7037. (Consta., Laiosa).
7028 **sopeixón 2** *s.m.* Ver SOPEXO /7037. (ERQ, Lan.).
7029 **sopeso** *s.m.* Ver SOPEXO /7037. (Pal.).
7030 **sopeta** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Gun.).
7031 **sopetada** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Negral).
7032 **sopeteo** *s.m.* Ver SOPEXO /7037. (Sofán).
7033 **sopeto** *s.m.* Ver SOPEXO /7037. (Burgo, Negral).
7034 **sopetón** *s.m.* Ver SOPEXO /7037. (Carb3, Consta., Negral, Noice.).
7035 **sopexa** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Caa., Piñe., Vala1).
7036 **sopexada** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. En plural recólleo Cadrón. (Cadrón, Meir.).
7037 **sopexo** *s.m.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Alence, Anseán, Caban., Melias, Mon., Santi.).
7038 **sopexón 1** *s.m.* Ver SOPEXO /7037. (Antas3, Bar-Co., Carbal., Chan., Gaxate, Parade.).
7039 **subaca** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. A nosa fonte (Ram.) escribe *suvaca*. (Piñei2, Ram.).
7040 **subacada** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Lamas).
7041 **sufreixo** *s.m.* Ver SOPEXO /7037. Ver tamén nota a SUFEIXAR. (Ped1).
7042 **supeixa** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Barre.).
7043 **supetada** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Cubi2).
7044 **supexada** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Sende.).
7045 **supila** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Rábade).
7046 **sutilla** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Leir-A).
7047 **topada** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Busta., Sabu2).
7048 **topexo** *s.m.* Ver TOPADA /7047. (Carr-G).
7049 **toupada** *s.f.* Ver TOPADA /7047. (PSil).
7050 **toupiazo** *s.m.* Ver TOPADA /7047. (Val-LE).
7051 **trompesón** *s.m.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Zamáns).
7052 **tucada** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver TOPADA /7047. (Nove.).
7053 **xapeteada** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Rus).
7054 **xatuada** *s.f.* Golpe que dá o becerro contra o ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Arroxo, Burón, Cang2, Mondo1, Suarna, Troán1, VFrore., XER).
7055 **xobaca** *s.f.* Ver SOBACA /7021. A nosa fonte escribe *xovaca*. (Dum.).
7056 **xopexón** *s.m.* Ver SOPEXÓN 1 /7038. (Carño2).
7057 **xubaca** *s.f.* Ver SUBACA /7039. A nosa fonte escribe *xuvaca*. (Vil.).
7058 **xubacada** *s.f.* Ver SUBACADA /7040. (Sabu3).
7059 **xugada 2** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Cur1).
7060 **xupuxo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver SOPEXO /7037. (Fara.).
7061 **xutuxa** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Cerd2).
7062 **zapaldrexa** *s.f.* Golpe que dá o becerro contra o ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Mez.).
7063 **zopexa** *s.f.* Ver SOPEXO /7037. (Gud.).
7064 **zoupa** *s.f.* Ver ZOUPADA /7065. (Crendes).
7065 **zoupada** *s.f.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Eixo, Meira2, Oliv.).
7066 **zouqueleo** *s.m.* Golpe que dá o becerro no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Viso1, Viso2).
7067 **zupaldrón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver ZOUPADA /7065. (LG).
7068 **sopexón 2** *adx.* [Becerro] que tira moito do teto ou que golpea con forza no ubre da nai. (LG, Xun2).
7069 **apoxar 2** *v.* Golpear [o becerro] no ubre da vaca para que baixe o leite. Hermi. define así: "Cando o leite chega ó ubre da vaca". A vaca necesita unha descarga de oxitocina para que a glándula mamaria excrete o leite. Normalmente isto conséguese coas fregas que o gandeiro lle dá ó ubre antes de muxir ou de maneira máis instintiva cos golpes que lle dá o becerro ó ubre. (Ameixe., Alla2, Bidu., Caa., Cab., Calo, Com1, Couce., Figue1, Hermi., Lañas, LG, Oroso2, Ribad., San.).
7070 **apuxar** *v.* Ver APOXAR 2 /7069. (Arzúa4, Carde., Medín, Mosen., TapiaC).
7071 **azupaldrar** *v.* Golpear [o becerro] o ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Hermi.).
7072 **batuxar** *v.* Golpear [o becerro] o ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Vnova2).
7073 **cabesar** *v.* Ver DAR CABEZADAS /7107. (Borre.).
7074 **colear** *v.* Golpear [o becerro] o ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Mra.).
7075 **colexar** *v.* Ver COLEAR /7074. (Mra.).
7076 **choquiar** *v.* Dar cabezadas contra o ubre [o becerro] ó mamar. (Ancares2).
7077 **chotiar** *v.* Ver CHOQUIAR /7076. (Ancares2).

7078 **gholpear** *v.* Golpear [o becerro] no ubre da vaca para que lle baixe o leite. A nosa fonte escribe *a jolpea*. (Corb., Couso).
7079 **gholpeare** *v.* Ver GHOLPEAR /7078. A nosa fonte escribe *jolpeare*. (Fuxás).
7080 **posar** *v.* Ver APOXAR 2 /7069. (Morga.).
7081 **poxar 1** *v.* Ver APOXAR 2 /7069. *Botábanlle o becerro a poxar, pra abrandarlle o ubre* (Ameixe). (Ameixe., Cam4, Lago, Macei.).
7082 **puxar** *v.* Ver APOXAR 2 /7069. Bas. anota *estar puxando*. (Anca, Bas., Cervá1, Cervá2, Com4, Sob., Vxoán.).
7083 **puxare** *v.* Ver APOXAR 2 /7069. (Razo).
7084 **sobacar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (Lim3).
7085 **sopeixar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (ERQ, Incio, Lan.).
7086 **sopetar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (Gun., Negral).
7087 **sopexar 1** *v.* Golpear [o becerro] o ubre da vaca para que lle baixe o leite. LG di que o nome lle vén de *pexo*: empreño, produto da xestación. (Caa., Casal., Dozón, Fol-C, Lago, Lampón, LG, Mon., Parade., Ribe2, Vala., Verdu., XER).
7088 **sopregar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (Ribó).
7089 **sospexar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (Oirós).
7090 **subacar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (Verdía).
7091 **sufeixar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. Sospeitamos da existencia dun erro neste verbo, *sufeixar*, ou no seu substantivo correspondente, *sufreixo*, ámbalas formas proporcionadas polo mesmo informante en Pedrafita (Ped1) e unicamente por el. Parece máis que probable que falta un erre na primeira ou que sobra na segunda, pero non temos dato ningún que nos permita dar maior fiabilidade a unha sobre a outra. (Ped1).
7092 **supelir** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (Vala.).
7093 **supetear** *v.* Golpear [o becerro] no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Lestón).
7094 **supexar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (Piñor).
7095 **supilar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. *Nunca conocéu o placer de que un becerro lle supilase no ubre nin de darlle de mamar nin tan siquer de acariñalo lambéndoo*. (XMC:31).
7096 **supuxare** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (Camba).
7097 **taxar** *v.* Golpear [o becerro] no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Fons).
7098 **tumbar** *v.* Golpear [o becerro] no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Cur1).
7099 **xatuar** *v.* Golpear [o xato] no ubre da vaca para que baixe o leite. (LG).
7100 **xopesar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (Oroso2).
7100b **xopexar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (CLam3).
7101 **xotiar** *v.* Ver XATUAR /7099. (Ancares2).
7102 **zopexar** *v.* Ver SOPEXAR 1 /7087. (Gud5).
7103 **zoupelear** *v.* Golpear [o becerro] no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (MCouso).
7104 **apuxa-la leite** *loc. v.* Ver APOXAR 2 /7069. (Fózara).
7105 **beica-la leite** *loc. v.* Golpear [o becerro] no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Arme.).
7106 **cabecea-la ubre** *loc. v.* Ver DAR CABEZADAS /7107. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Baltar).
7107 **dar cabezadas** *loc. v.* Golpear [o becerro] no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Buga-N).
7108 **dar fusiñasos** *loc. v.* Ver DAR CABEZADAS /7107. (Rama.).
7109 **dar golpe** *loc. v.* Golpear [o becerro] no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (PCal2).
7110 **poxar cabezados** *loc. v.* Ver DAR CABEZADAS /7107. (Tabor).
7111 **sacudi-lo ubre** *loc. v.* Golpear [o becerro] no ubre da vaca para que lle baixe o leite. (Morai.).
7112 **zoupa-la ubre** *loc. v.* Ver SACUDI-LO UBRE /7111. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Suevos).

7.7.7. Priva-lo becerro de mamar

Ó cabo dun tempo, variable segundo múltiples factores, cómpre ir retirando o becerro da nai e que vaia afacéndose a comer de seu. Así, o labrego pode aproveita-lo leite da vaca para o seu consumo ou venda, directamente ou transformado en queixo, e ademais consegue adianta-la recuperación da vaca (para a que a lactación representa evidentemente un esforzo notable) e que volva saír en celo.

Sabemos de diferentes métodos para conseguir que o becerro deixe de mamar, desde a colocación dunha táboa con pinchos sobre a cabeza do animal, de tal forma que ó intentar mamar pinche no ubre da nai e esta fuxa (ver epígrafe 9.8.1.*O vetillo*); ata embadurna-los tetos con bosta para que sexa o becerro o que rexeite o cheiro e o sabor [182].

Despois de parir, chega un momento en que as hai que separar das crías para podelas muxir. Lévase a cría para un cortello e, cando se achega á nai, pónselle un buzo para que non poida mamar.


As vacas, cando lle quitan a cría, botan oito días arredor do corral mirando para a cría e despois vanse a buscar vida. E as vacas que paren no monte, cando lle levan a cría, volven ó sitio cando lles aperta o leite.

[182] *I-en canto emprincipian a comeren bótanse ao monte cas nais ás que se lle untan as tetas con bosta pra que as crías non mamen mentras están fóra* (Velle1:135).

No monte, ó non muxilas, pódense baldar do ubre. Collen unha mamites e botan porquería e algunha queda inútil de todo ou dun teto.

Unha vaca estraviada volve ó sitio a busca-las compañeiras. E xa vin vacas que as baixaron do monte e fixeron pola súa conta máis de cinco quilómetros para volveren onda as compañeiras.

Unha toura grande pode ir ó boi, empreñar e aínda mamar da nai (Ctel1).



Agora xa sei porqué non me deixaban mamar a min (Castelao).

7113 **desteta** *s.f.* Ver DESTETE /7114. (ERG).

7114 **destete** *s.m.* Acción e efecto de desteta-las crías dos animais. (Vilaf.).

7115 **trangallo** *s.m.* Pau que se lle pon ós becerros no pescozo para que non poidan mamar e, así, destetalos. (LG).

7116 **acibar 1** *v.* Privarlle temporalmente [a un becerro] de mamar. (Aldo., Fri., Gun., Parade., Vilaf.).

7117 **arredar 2** *v.* Ver ARRELLAR 1 /7119. (LG).

7118 **arrelar** *v.* Ver ARRELLAR 1 /7119. Gud5 di recoller desta mesma fonte (Gud.) esta voz co significado de "deixar de dar leite unha vaca". É posible que esta definición sexa unha metonimia (efecto pola causa): arrédase o becerro da vaca e, como consecuencia, na gandería non industrial, a vaca acaba deixando de dar leite. (Gud.).

7119 **arrellar 1** *v.* Tirar [un becerro] de onda a vaca para que deixe de mamar. Gud5 define a voz *arrellada* así: "Dise da vaca que deixou de dar leite". Tamén aquí podemos estar ante unha definición metonímica (efecto pola causa), como a anterior. (Cab, ERG, FMS, LG, Mez., XER).

7120 **cibar 1** *v.* Ver ACIBAR 1 /7116. (ERGa).

7121 **desatetar** *v.* Ver DESTETAR /7127. (Ver1).

7122 **desemparceirar** *v.* Ver ARRELLAR 1 /7119. (LG).

7123 **desemparzar** *v.* Ver ARRELLAR 1 /7119. (LG).

7124 **desleitar 1** *v.* Ver DESTETAR /7127. (ERG, LG).

7125 **desmamar** *v.* Ver DESTETAR /7127. (ERG).

7126 **desparzar** *v.* Ver DESTETAR /7127. (LG).

7127 **destetar** *v.* Sacar [as crías dos animais] de onda as nais para que deixen definitivamente de mamar. (Buga-A, Com1, ERG, Fri., Goián, Vilaf.).

7128 **xebrar 2** *v.* Separar [o becerro] da nai, destetar. O mesmo informante recolleu na parroquia de Sisterna, do mesmo concello de Ibias, a voz *estremar* co significado de separa-los años ou cabuxos das nais para que non as mamen. (FMS, Ibias1, LG).

Para desteta-lo bucho non hai como mata-la bucha. (VS3, VS4) [183]

[183] VS4 recólleo en Vilamane, Becerreá.

Sarmiento nas 1200 coplas que compuxo, inseriu algo que se relaciona con este tema:

... facer a bogada,
cebar os larengos,
mungir a vaquiña,
tornar o bezerro,
e catar a bosta,
e estrume mareiro
e catar nas pitas
se ten ovos frescos. [184]

Vai mungir a baca,
pór bosta nos tetos,
porque non coteñe
nen mame o tenreiro. [185]

7.7.8. A vaca que alimenta nenos expósitos

Lembremos agora un vello relato da mitoloxía grega. Poseidón e Melanipa tiveron dous fillos: Eolo e Boiotos. Cando nacen, o seu avó materno cega a Melanipa e péchaa na cadea e manda tirar cos nenos no monte. O caso parécese moito ó de Rómulo e Remo, fundadores de Roma, ós que aleitou unha loba. Neste caso, é unha vaca a que milagrosamente lles dá de mamar, ata que uns pegureiros, vendo o prodixio, recóllenos e críanos. Co tempo o rei de Icaria está a punto de repudia-la muller, Teano, por estéril. Esta pídelle os meniños ós pegureiros para facelos pasar por fillos dela. Pero despois ten ela dous fillos de seu e máis guapos. Cando medran descóbrelles a estes a orixe dos seus falsos irmáns e mándalles que os maten nunha cazata. Nela enfréntanse os catro pero, coa axuda de Poseidón, Eolo e Boiotos vencen, e Poseidón revélalles que a súa verdadeira nai, Melanipa, aínda está presa. Van alá, libérana e Poseidón devólvelle a vista. Van os tres onda Metaponto, revélanlle os crimes de Teano e finalmente Metaponto acaba casando con Melanipa. E os dous irmáns acaban fundando candansúa cidade.

Este caso, que condena exemplarmente o abandono de meniños, facendo que os aleite maternalmente un animal, ten paralelos en tódalas linguas. En galego o aleitamento espontáneo de expósitos por parte do gando está implícito en contos coma este de Moaña que fala de ovellas, non de vacas [186]:

Nunha ocasión, unha nai botou un fillo de seu, resén nasido, nun monte de terra removida ó pé dunha cortella.

No vran seghinte, pouco antes de ir recolleren o ghando ás montañas, íase celebrar un baile popular pola noite, preto da ighrexa, e a nosa lurpia pensaba asistir a el, por máis que non fasía outra cousa que laiarse por non ter roupa axeitada. Pois ben, a mañá do día do baile estaba munxindo as ovellas na cortella, cando asomou o expósito pola sebe, e vai e dille:

-Miña nai na cortella, con preocupacións mil,
non tes levado ó baile unha roupa máis xentil.
E dito isto bateulle na cara cos seus farrapos. E a muller ficou segha para sempre desde aquel instante.

[184] FMS5:157,1181-1183.
[185] FMS5:153,1118. No texto: *Vay mungir a baca* / *por bosta.*
[186] CNC:228. Recollido a María Sóñora Abuín (76 anos en 1999) en Moaña.

Capítulo 8. PATOLOXÍA

Capítulo 8. PATOLOXÍA

Agruparemos neste capítulo as alteracións da saúde –coas limitacións que logo faremos- ou da capacidade produtiva do gando.

Este segundo aspecto económico é importante, porque, na clínica veterinaria, calquera proceso que comprometa as producións que se esperan dun animal implica un prognóstico negativo que moitas veces é prioritario sobre o que resultaría do xuízo estrito sobre o estado de saúde resultante.

Poñamos un caso: unha vaca que quede estéril resulta absolutamente inútil para o gandeiro, por moito que a súa vida quede asegurada despois de trata-la enfermidade que lle provocou esa esterilidade. Se recupera-la saúde do animal enfermo non leva implícita a recuperación da capacidade produtiva, normalmente xa nin se intenta o tratamento. Por iso, o obxectivo habitual do clínico veterinario non é tanto salva-la vida ou restaura-la saúde do animal enfermo senón recuperar totalmente e canto antes a súa capacidade produtiva: a única excepción son os animais de compañía, nos que interveñen factores afectivos por riba das consideracións económicas [1].

A clasificación que seguimos neste capítulo agrupa as diferentes enfermidades como se fai academicamente, atendendo á súa etioloxía (infecciosa, parasitaria, médica ou cirúrxica) ou ó sistema ó que afectan (no caso da patoloxía da reprodución) e, a seguir, un último grupo ó que levamos unha serie de síntomas ou síndromes inespecíficas que non caberían concretamente en ningún dos apartados anteriores. Para situa-lo lector non especializado nas enfermidades do gando, daremos para cada unha delas unha información básica sobre causas e síntomas característicos, sen entrarmos en demasiados detalles. Deliberadamente, esta explicación previa vai se-lo máis breve posible para pasar ó que importa moito máis neste traballo: a información recollida do gandeiro sobre a causa á que eles atribúen a doenza, os síntomas polos que a identifican e mailos tratamentos que eles aplican.

Debemos engadir outro aspecto que condiciona o ámbito da información que daremos neste capítulo. Non estamos nun texto de patoloxía senón de etnolingüística e iso explica que nas páxinas que seguen falten numerosas enfermidades do gando –descritas, coñecidas e presentes na clínica galega- ou que, noutras ocasións, agrupemos nunha mesma epígrafe enfermidades distintas. Tampouco describiremos tratamentos, técnicas diagnósticas ou terapéuticas nin instrumental utilizado polos veterinarios. O que recollemos son os datos que puidemos coñecer dos gandeiros, tratantes e na diversa bibliografía non técnica consultada. É certo que tamén haberá informacións achegadas por veterinarios, pero restrinxida ó que eles observaron ou escoitaron dos seus clientes.

O que neste libro se recolle é a gandería tradicional galega, un mundo que está desaparecendo ante os nosos ollos, nas profundas e vertixinosas transformacións dunha gandería intensiva e dominada por un mercado europeo sen fronteiras.

---

[1] Véxase o que diremos en 8.8.4. falando dunha simple coxeira.

Para remata-lo capítulo, nun apartado final ofrecemos información popular recollida verbo do veterinario e do menciñeiro e dos usos terapéuticos que demos atopado dalgunhas partes e trebellos relacionados coa vaca.

8.1. Termos xerais

Antes de entrar na descrición das diferentes enfermidades, comezaremos co vocabulario máis xenérico, que denomina os estados de saúde ou de enfermidade, así como o remate desta na curación ou na morte do animal.

8.1.1. A saúde e a enfermidade

7129 **acantoamento** *s.m.* Sitio retirado onde pode pacer libremente o gando enfermo, arredado do resto para non pegarlle o mal. (ERG).

7130 **andancio** *s.m.* Enfermidade inespecífica ou malestar lixeiro e non localizado. VGR define *andancio* como "enfermedad o dolencia no localizada, de índole benigna, producida por pesadez y molestia". (VGR).

7131 **contaxio** *s.m.* Transmisión dunha enfermidade contaxiosa. (ERG).

7132 **doencia** *s.f.* Doenza. (Piquín).

7133 **doente** *s.m. Ú. t. c. adx.* Enfermo, que padece enfermidade. (ERG).

7134 **doenza** *s.f.* Falta de saúde. (ERG).

7135 **enfermidá** *s.f.* Ver *ENFERMEDÁ /7141. (ERG).

7136 **humor 1** *s.m.* Calquera inflamación do corpo, sexa onde sexa e teña ou non teña materia. (Cam1).

7137 **lixo 7** *s.m.* Estado de enfermidade da vaca en sentido amplo. (Mel1, San.).

7138 **mal 1** *s.m.* Enfermidade. (Común).

7139 **peleirada** *s.f.* Enfermidade benigna. (Piquín).

7140 **trabada** *s.f.* Ataque de enfermidade que sofre o gando. (Cou1).

7141 ***enfermedá** *s.f.* Alteración máis ou menos grave da saúde. (Com1, ERG, Gro1, Pantón).

7142 **amalado** *adx.* Enfermo. (ERG).

7143 **contaxiosa** *adx.* [Enfermidade] que se transmite directa ou indirectamente desde un animal -ou persoa- enfermo ou portador a outro san. (ERG).

7144 **doentío** *adx.* Enfermizo, que ten pouca saúde ou padece unha enfermidade leve. (ERG).

7145 **empeouxado** *adx.* [Animal] enfermo. (Piquín).

7146 **empioucado** *adx.* [Animal] enfermo ou baldado dalgunha parte. (Meiroi).

7147 **esgurriada** *adx. desp.* [Vaca] enferma ou fraca. (Piquín).

7148 **esgurriapada** *adx.* Ver ESGURRIADA /7147. (Piquín).

7149 **pegañenta** *adx.* Ver CONTAXIOSA /7143. *A 'gripe' ou a doenza pegañenta epizoótica do gado vacun...* (Parade.:279). *A 'nacida' ou a carbunco* [sic] *ou doenza virulenta, pegañenta e mortífera do gado vacun...* (Parade.:280). (Parade.).

7150 **pudriqueiro** *adx.* [Animal] enfermo. Aplícase tamén as cousas que están podres. (Piquín).

7151 **amalar** *v.* Enfermar. É posible que tamén signifique abortar, tendo en conta o refrán que ofrece VLLM. *A us párenlle os bois e a outros amálanlle as vacas*. (ERG, VLLM).

7152 **contaxiar** *v.* Transmitir unha enfermidade un animal -ou persoa- enfermo ou portador a outro san. (ERG).

7153 **encachizar** *v.* Contaxiar. *O jado encachisóu ao can*. (Ardán).

7154 **enfermar 1** *v.* Contraer ou manifestar algunha enfermidade. (ERG, Gro1).

7155 **enxangoar** *v.* Enfermar. O noso informante aplícao á xente: *o Antón está enxangoado dun brazo*. (Lan.).

7156 **grellar** *v.* Xemer, chingar [o animal]. (Xun2).

7157 **arrimarse a palmoeira** *loc. v.* Ver TER UNHA VOLTA DE PALMOEIRA /7161. (Cam1).

7158 **coller treixa** *loc. v.* Contraer unha enfermidade [un animal] por exceso de traballo. (Cospe.).

7159 **ser** + (adx.) + **de nación** *loc. v.* Ter unha cualidade conxénita, de nacemento. Dise, coma tal, *a vaca é cordeira de nación*. (Ctel1).

7160 **te-la palmoeira** *loc. v.* Ver TER UNHA VOLTA DE PALMOEIRA /7161. (Cam1).

7161 **ter unha volta de palmoeira** *loc. v.* Ter [unha vaca] algunha doenza ou malestar, como mamite ou o pescozo inchado por traballar moito ó xugo ou cando ten tose, diarrea e non remoe. (Común).

A vaca que se deita na herba, ou está chea ou enferma. (VS)

8.1.2. A curación

7162 **coutar 1** *v.* Curar de calquera enfermidade. *A vaca xa coutou. A 'coita' ou o inchazo que se apresenta no peito do gado vacun, que nos casos graves causa a morte, se non se lle 'couta' antes con caldo de puxa de castañas, facendolle cruces cunha peseta de prata e recitandolle oraciós axeitadas, e agora con dosis de penicilina* (Parade.:279). (Cam1, Parade.).

7163 **curar 1** *v.* Aplicarlle [á persoa ou animal enfermo] os tratamentos necesarios para recupera-la súa saude. (Car., Ced., Com1, ERG, Feás-A, Gud., Mra., Ram., SComba, Sob., Xun.).

7164 **curarse** *v.* Recupera-la saúde [o enfermo]. (ERG).

7165 **espasallar** *v.* Mellorar dunha enfermidade. (Toba).

7166 **espoliñar** *v.* Mellorar dunha enfermidade. (Ver1).

7167 **estar guicho** *loc. v.* Estar xa ergueito [un animal] que antes estaba tumbado ou decaído por unha enfermidade. Na mesma localización, *ghicho* é adxectivo por presumido, elegante, guapo. (Gro5).

7168 **ser aínda vaca** *loc. v.* Recuperarse plenamente [unha vaca] para a cría e a produción de leite despois dunha doenza. (Ctel1).

7168b **ter vaca** *loc. v.* Conseguir [o gandeiro] coa axuda dun experto a curación da vaca enferma. *Maquinou un brebaxe: mistura de ruda, allo mallado, aguardente da Ribeiriña e un ramalliño de marialuisa, todo morno. Verteuno nunha botella de plástico, fixolla beber despaciño e cariñento. Deixouna un tempo. Namentras o Fidalgo atendera á Xata, o Garatuxas fora ó señor cura pra que pidise ó san Lucas io san Antonio pola súa vaquiña. Io señor cura, pra consolalo, viñera con el rezando cando o Fidalgo descansaba á Xata; encontráronse os tres. O señor cura preguntoulle: -¿Qué, temos vaca, Fidalgo? -Temos vaca, señor cura* (XBC).

7169 **vir vindo** *loc. v.* Recuperarse [unha vaca] dunha volta ou dunha enfermidade. Úsase adoito repetida: *a vaca vén vindo, vén vindo*. (Ctel1).

Boi que remoe, nada lle doe. (VLLM:1,135) [2]

8.1.3. A morte

A morte dunha vaca, á parte da perda económica directa (e, para moitos, aínda tamén afectiva), leva hoxe engadida unha segunda perda económica derivada das medidas hixiénicas impostas na loita contra determinadas enfermidades transmisibles, especialmente a raíz da crise provocada pola encefalopatía esponxiforme no ano 1996. Antes, cando morría unha vaca, o gandeiro enterrábaa con cal: este parece se-lo procedemento tradicional en Galicia.

Con todo temos dúas informacións que aseguran que, polo menos en dúas zonas distantes e situadas nos confíns de Galicia, botaban o cadáver nos xa desaparecidos pudrideiros aproveitando que certos animais e aves preeiras os comían. Antón Santamarina infórmanos de que na Fonsagrada existía esta práctica de tirar nun lugar fondo e afastado os animais mortos, incluídas as vacas (*nunha caboza* di el), e que alí acudían tódolos animais carroñeiros (lobos, aguias e voitres) e que, mentres os ósos non quedaban limpos, a zona cheiraba moi mal. Di tamén que aínda se usa na Fonsagrada esta locución "*cheira coma un val de vrutes"*, sendo *vrutes* os voitres (que noutros sitios se coñecen como *voutres* ou *vutres*); lembra tamén que as *aigas* (nome local das aguias) por veces teñen aparecido e teñen levado algún cordeiro. Na outra esquina de Galicia Méndez Ferrín testemuña a mesma práctica:

> *Había xente polas partes de Celanova que tiña a disgracia dunha morte na corte, o cadavre era montado nun tractor e abandoado na devandita Chaira de Amoroce ou Cortiña Grande. Naturalmente eran os lobos os primeiros en dar conta do becerro ou vaca morta, e sempre quedaba algo para corvos, cans de viciños, vermes, insectos e, naturalmente, microorganismos. Cada vez que tiraban unha vaca na Chaira producíase alí o Grande Festival da Biodiversidade. Hoxe todo isto está prohibido e o bicharío pasa moita fame* (XLMF2).

¿Era habitual esta práctica? Coidamos que non, porque non encontramos moitos máis testemuños que o confirmen referido a vaca, porque encontramos, en cambio, a reafirmación de que os animais mortos

[2] Llópiz di que se aplica tamén á vaca, ovella e carneiro; recólleo de Javier F. Losada, prof. vet. É certo que a falta de remoeira é un síntoma que se presenta en case tódalas enfermidades deste gando.

se enterraban no monte e porque tampouco encontramos léxico galego que o designe. O podredoiro ou *muladar* aparece unha vez nun texto de Curros, autor como é sabido da mesma terra ca Mendez Ferrín [3].

O que si algunha vez recollemos é o ruxe-ruxe de que, cando morría un animal, sempre aparecía alguén a compra-la morralla, disque, "para facer xabrón".

Volvamos á morte do animal por encefalopatía esponxiforme. Esta enfermidade introduciu a eliminación controlada dos cadáveres bovinos, para evita-la difusión dos prións causantes da enfermidade. Hoxe o gandeiro está obrigado a botar man dunha empresa especializada neste tipo de transportes que lle recolla a vaca que hai que destruír nunha incineradora oficial [4]. Esta operación ten un custo adicional para el, se non está asegurado: como dato de referencia témo-los 223 € que unha aseguradora di que paga en setembro de 2007 pola recollida, traslado e incineración dunha res morta [5]. Por esas datas a prensa informaba que se empezaba a estender entre os gandeiros un seguro de recollida de reses mortas cunha póliza, subvencionada por diferentes administracións, que oscila entre 2,30 - 2,50 € por res e ano [6]. Sabemos que anualmente morren unhas 50.000 reses bovinas en Galicia por enfermidade ou accidente, e que isto vén representando entre un 3 e un 3,5% do total.

Mortes de bovinos nos últimos anos					
2001	**2002**	**2003**	**2006**	**2007**	**2008**
45.251	60.618	57.072 [7]	50.437	50.453	53.350

▸ Fontes: *Ecoagro* (7.02.2004) para os anos 2001,2002,2003. Jorge E. Mourelo Estella, xefe do Servizo de Sanidade Animal (7.01.2009) para os anos 2006,2007 e 2008.

7170 **carniza** *s.f.* Carne de animais mortos e abandonados (XLMF2).

7170b **morralleira** *s.f.* Lugar pouco frecuentado onde se enterran os animais domésticos que morreron por enfermidade contaxiosa ou peste. ERQ3 define morralleira como "Muladar donde se arrojan animales muertos". Pero cita Arcos de Pol e nesa fonte non di "se arrojan" senón "se entierra": "Lugar poco frecuentado donde se entierra la carne de los animales domésticos que murieron por enfermedad contagiosa o peste" (Arcos:321). (Arcos, ERQ3).

7171 **murrialla** *s.f.* Cadáver dun animal morto de enfermidade ou de morte natural e tirado sen enterrar nalgún lugar apartado. (Piquín).

7172 **murriato** *s.m.* Ver MURRIALLA /7171. (Piquín).

7173 **escacear** *v.* Ver ESCACIÑAR /7175. (Piquín).

7174 **escacexar** *v.* Ver ESCACIÑAR /7175. A nosa fonte escribe *escacejar*. (Piquín).

7175 **escaciñar** *v.* Patexar agonicamente no intre de morrer. (LG, Made).

7176 **paniar** *v.* Morrer [algún animal]. (Fumiñá).

7177 **morrer de si** *loc. v.* Morrer [un animal] de enfermidade, polo que non se pode aproveita-la súa carne. (Cove).

A quen lle morre a vaca, andivo coas malas fadas. (VLLM:1,130) [8]
Ó que lle morreu a vaca, caéronlle as malas fadas. (VLLM:1,130) [9]
A uns mórrenlle as vacas, a outros párenlle os bois. (VLLM:1,131) [10]

---

3 *O río tén un leito mulidiño, perfumado de rosas é cravés. Tamén tiña outro o pobo; mais... venderonllo i agora non o tén. ¡Deixaino qu'o adiquira donde poida! Deixad'ó gafo Xob co fol á res buscar o muladar onde s'espiolle. ¿Sanará?... Pode ser. A civilización i as anduriñas dunhas terras prás outras van e vén; querer que non emigren e matá-las o mesmo vén a ter* (MCEb:133). No mesmo ano de 1886 tamén usa esta palabra Pondal: *Oh ti, radioso e forte, ser oculto e inmortal, que deches son ós pinos e cores á miñán e ós lixeiros ventos o seu vario roldar, que consolache o mísero no inmundo muladar, a quen xa duramente aconsellaran, Eliphaz e Baldad* (EP:159).

4 E, desde maio de 2003, a prohibición de enterra-lo gando morto fíxose extensiva a tódalas especies. Esta medida medioambiental trouxo como consecuencia indirecta a falta dunha fonte alternativa de alimento para a fauna silvestre, causando un impacto negativo na supervivencia e recuperación de certas especies sensibles, como osos, lobos e voitres. Aí podería residir unha explicación das posibles causas dos ataques que ultimamente se detectan destes animais sobre o gando ceibo.

5 A información refírese a Agroseguro. http://www.xeracion.com/nova/2953.html [04.09.2007]. Esta cifra é inferior ós 300 euros que algúns gandeiros nos aseguran que pagaron eles en 2002.

6 2,47 (*La Voz de Galicia* 10.02.2002) ou 2,53 (*Feiraco* 54, decembro 2003). Véxase a completa información que a 11/12/2009 ofrece Agroseguro: http://www.agroseguro.es/pub/servlet/agro.pub.normativa.control.NormativaPublicaServlet.

7 Os datos de 2003 recollen os dez meses de xaneiro a outubro.

8 Recólleo de A. García Alén.

9 Llópiz: *Ao que morreulle a vaca, caíronlle...* (un dos casos nos que Llópiz corrixe mal a colocación do pronome átono); recólleo de Fiol España (na Coruña) e tamén de A. García Alén.

10 Llópiz recólleo de F. Bouza Brey (Orense 1928) e di que é expresión das veleidades da fortuna. En Portugal: *A uns morren as vacas, a outros parem os bois* (DMA:262).

A uns mórrenlle as vacas e a outros párenlle os bois. (VLLM:1,142) [11]
A uns párenlle os bois e a outros arrebéntanlle as vacas (Porr2) [12]
A us párenlle os bois e a outros amálanlle as vacas. (VLLM:1,157) [13]
Hai a quen lle morren as vacas e a quen lle paren os bois. (VLLM:1,142) [14]
A vaca do pobre, cando ha de parir, morre. (Grou)
A vaca do probe, cando ha parir, morre. (XLF2:22; VLLM:1,132) [15]
A xeada de febreiro mata a vaca e mailo leiro. (NevesC; XTC4; Camb1:54/70; Castre.) [16]
Dempois de morto o meu boi, non naza a herba no prado. (VLLM:1,139) [17]
¿E dempois? .- Morréronme as vacas, quedáronme os bois. (VLLM:1,141) [18]
Máis quero ver a miña vaca morta que a xustiza na porta. (XTC4; VS)
Mellor quero ve-la miña vaca morta, que a xustiza á porta. (EGE:82; XFR2:36, XFR2:53) [19]
Quero máis que me morra a vaca que ver a xusticia na casa. (VS)
Millor é que morra un boi que un rato de fame. (VS) [20]
Morreume o boi, morreume a vaca e quedou o demo na casa. (VLLM:1,144) [21]
Ó touriño morto, gran coitelada. (VLLM:1,130) [22]
¡Que non morran as vacas, que os homes hainos a manadas! (XMSH:81; ERG:morrer; XMSM:63) [23]
Que non morran as vacas, que homes hainos a patadas. (VS)
San Antón, que a miña facenda compón, que non morra nin manque nin faco nin boi. (VLLM:2,891) [24]
Vaca morta, orella torta. (VS)

¡Ai! A miña sogra sanou,
en troques morreume a vaca.
Tras do pobre hastra a morte
sega a boa e deixa a mala. [25]

A miña sogra sanou
i en troques morreume a vaca;
tras dun pobre sempre a morte
anda ca fouce amolada. [26]

A teu pai morreulle
o boi mouro
i agora tirarás ti polo arado
fillo de "cágalle o boi no arado". [27]

Ai Maruxiña do tequelledoiro
ia teu pai morreu o boi louro
iagora tiran os bois polo carro
anda María tócate o nabo. [28]

---

11 Llópiz: *mórrenll'as, párenll'os*; recólleo de Bouza Brey.

12 Uns teñen tanta sorte que incluso lles paren os bois (que nunca paren); a outros, en cambio, nin sequera lles paren as vacas preñadas, que acaban rebentando.

13 Llópiz recólleo dun *Repertorio pop. gall*. Entendemos que *amalar* é enfermar, pero ben pode significar abortar (malparir).

14 Llópiz recólleo do *Falar de Lobeira*.

15 Llópiz: *pobre*; recólleo de Xaquín Lorenzo *(Refranes de Lobeira*).

16 Camb1: na p. 54 pon *xeada* e na 70 *xíada*, mal acentuada.

17 Llópiz: *mórto*; recólleo de M. Castro Sobrado, en Sarria (1917).

18 Llópiz: *morréronm'as*, *quedáronm'os*; recólleo de Carré Aldao.

19 No texto: *ver a, xusticia* (EGE).

20 Saco explica que é mellor que nunha casa morra un boi coa fame que un rato; porque se falta a mínima cantidade de alimento que precisa un rato é porque a situación é de absoluta necesidade.

21 Llópiz di que o recolle de Emilio Saco Brey.

22 Llópiz recólleo de R. Abacens (Celanova 1861); di que cadra co cast. *A moro muerto, gran lanzada*. Segundo Correas, esta era a forma orixinal que deu lugar á variante *A toro muerto, gran lanzada*, co mesmo significado. León Medina (*Frases literarias afortunadas*) engade que o refrán orixinal xa se le no *Cancionero General* de Hernando del Castillo, impreso en Valencia en 1511. En calquera caso, alude "*a aquellos valientes que se atreven a arrostrar todos los peligros cuando ya lo han hecho otros, pero no antes*" (Sbarbi).

23 XMSM: *háinos*.

24 Recólleo en Xinzo de Limia. Ver nota a *Garde a vaca San Antón*...no capítulo 12. *Crenzas e supersticións*.

25 MV91:38. No texto: *entroques*.

26 LimiaB:37, XAM:44. No texto: *trás, de un, xempre* (LimiaB); *sanóu, morréume, xempre* (XAM). Lis Quibén recolle esta variante: *A miña sogra sanóu/ y en Troques (sic) morreume o porco,/ tras do pobre sempre o demo/ anda co rabo retorto* (VLQ2:379). E Xaquín Lorenzo cita tamén esta copla castelá: *Mi mujer y mi caballo/ se me murieron a un tiempo;/ ¡que mujer ni que demonio,/ mi caballo es lo que siento*.

27 TCha:78. No texto: *Á teu pai*. Ve-lo comentario ó refrán *Mariquiña do terbelledoiro*... no capítulo 2. *Exterior* (2.2.1.1. *Raza marela*).

28 SCHU1/2/277. No texto: *tócat'o nabo*.

Ai Maruxiña do trebelladoiro
á túa mai morreulle o boi gordo
e ó teu pai morreulle o bragado
e agora tu tirarás polo carro. [29]

Alá arriba naquel monte
hai unha vaca morrida
que a mataron a paus
e tenvos a boca abrida. [30]

Alá arriba naquel monte
hai unha vaca morrida
*que * la morrieron a palos*
por tener la boca abrida. [31]

Alá riba naquel monte
hai unha vaca morrida,
que a morreron a paus
e quedou coa boca abrida. [32]

Aló arriba non sei onde
hai unha vaca morrida,
que a morreron a paus
e quedou patas arriba. [33]

Eu casei con 'Caramoura'
porque tiña moito ghado
aghora o ghado morreume,
'Caramoura' foi quedando. [34]

Eu caseime con un vello
porque tiña moito gado,
o gado foime morrendo,
o vello foime quedando. [35]

Eu caseime cunha vella
porque tiña moito gando.
O gando foise morrendo;
a vella foime quedando. [36]

Eu caseime cunha vella
porque tiña moito gando;
o gando foise morrendo
i a vella foise quedando. [37]

Eu caseime cunha vella
porque tiña moito gando;
o gando morreume todo
i a vella foime quedando. [38]

Eu non vou, non vou,
eu non vou alá,
á casa do cura,
¿que me quererá?
¿Que me quererá?
¿Que me ha de querer?
Morreulle unha vaca
quérema vender. [39]

Iapunten señores
en papel marelo
que morreu a vaca
do Manuel do Guelfo
ai si, do Manuel do Guelfo
io Manuel do Guelfo
choraba por ela
iadiós miña vaca
miña vaca vella
ai si, miña vaca vella
ia vaca de morta
regañaba os dentes
iadiós meus cuñaos
todos meus parentes
ai si todos meus parentes
ia vaca de morta
requichaba o rabo
iadiós meus sobriños
todor meus cuñados
ai si todor meus cuñados
adiós miña vaca
miña camarada
quen me ha de facer
toda a miña arada
ai si, toda a miña arada

---

29 SCHU1/2/596. No texto: *morreull'o, ahora*.

30 Lama2:87.

31 SCHU6/2/1976b.

32 Fiste2. Recóllea en Brens, Cee. No mesmo artigo publica outras dúas cantigas similares nas que a *protagonista* xa non é a vaca, senón unha egua, nun caso, e unha burra, noutro.

33 TCha:26. No texto: *ónde.*

34 SCHU6/2/1690. No texto: *aghor'o.*

35 Cea2. Máis explícita, se cabe, é estoutra cantiga que copiamos de Rielo Carballo: *Eu caseime con un vello/ pra lle rapar a moeda,/ a moeda acabouse/ mentres que o vello queda* (TCha:63).

36 MVN6, LimiaB:80. No texto: *c'unha* (MVN6); *gado, i a vella* (LimiaB).

37 DBP:3283.

38 VD:294. No texto: *c'unha, i-â vella*.

39 LimiaB:82. Xaquín Lorenzo recolle tamén outra cantiga case igual a esta, na que só varía o penúltimo verso no que quen lle morre é *a criada*.

toda a túa arada
non ch'ha de faltar
tes dúas xatas novas
vainas amansare
ai si, vainas amansar
adiós, miña vaca,
miña compañeira,
quen me ha de levar
o abono á leira
ai si, o abono á leira
io abono á leira
non che ha de faltar
tes dous xatos novos
vainos amansare
ai si, vainos amansar
adiós, miña vaca,
miña camarada,
quen ha de dormir
comigo na cama
ai si, vainos amansar
contigo na cama
non che ha de faltar
porque quen tu eres
logo has de buscar
ai si, logo has de buscar
io Manuel do Guelfo
que reprende o rizo
que anda pola calle
parece un carrizo
ai si, parece un carrizo
io Manuel do Guelfo
que reprende o galo
que anda pola calle
feito un ciringallo
ai si, feito un ciringallo. [40]

Indo cara a Santa *Cuemba
vi una vaca morrida
que la murrieron a palos
subiendo la cuesta arriba. [41]

Mariquiña - do terbelladoiro
a teu pai - morreulle un boi mouro,
agora ti - tirarás polo carro
filla de cáganlle os bois no arado. [42]

Mariquiña do trebelledouro,
a teu pai morreulle o boi louro,
hora que non tedes gado
ti e máis el tirareis polo carro. [43]

Miña nai, por me casar,
prometeume unha becerra,
despois de verme casada
díxome que lle morrera. [44]

Túa nai, por te casar,
ofreceume unha becerra;
e agora, como casaches,
díxome que lle morrera. [45]

Si eu fose autor [46]

Si eu fose autor, escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeán. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Ó redor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello petrucio e tres nenos loiros. Todos choran a fío i enxoitan os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes

40 SCHU1/2/279a. No texto: *regañab'os dentes, tod'os meus parentes* (aínda que pouco despois *tódor meus cuñados*), *requichab'o rabo, quén m'ha de facer, tod'a miñ'arada, tod'a túa arada, tér dúas xatas nóvar, quén m'ha de levar, tés dous xátor nóvor, non ch'ha de faltar, que reprend'o rizo, qu'anda pola calle, parez'un carrizo, que reprend'o gallo, feit'un ciringallo*. O colector supón que *rizo* está por *boi rizo*.

41 SCHU4/2/281. No texto: *car'a*. Recollida en Serra de Outes.

42 JPBI:139.10. No texto: *d'o terbelladoiro, morreull'un, filla de cág...ll'os bois n-o arado*.

43 DBP:129. No texto: *trevelledouro*.

44 Lama2:171.

45 MRV:94.

46 CAS1: 1, 121-123. Siro López detectou a fonte deste conto. Di o seguinte: "O día 27 de maio de 1921, estando Castelao en París, un francés contoulle o disgusto dunha señora fidalgona á que lle morrera un canciño. Castelao escribiu no seu *Diario*: *O francés referiume o sentimento da señorona con verdadeira emoción para demostrarme o bo corazón da señora. Eu lembreime de camiño dos contos que se contan do galego a quen lle morre unha vaca, e decateime do lonxe que están un sentimento do outro e a diferencia que hai entre un canciño mal criado e unha vaca que dá para vivir. As xentes da vila están podres e queren moquearse dos pobres paisanos. Tan humanos e tan conformes ás leis de Deus. Amostrar estes dous sentimentos dá motivo para un conto.* Cinco anos despois, Castelao escribía esta *cousa* con feitío de esbozo dramático" (SIRO: 44).

labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha gran desgracia. O pranto debe ter unha gracia choqueira, para que estoupen de risa os do *patio de butacas*.

E, cando se farten de ri-los señoritos, [47] baixará o pano.

LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés [48] ferrados de bronce, hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ó seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguiñas novas. Todas elas fan o pranto i enxoitan as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E, cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi a modiño [49].

8.1.4. As plantas medicinais

As máis diversas enfermidades, tanto da xente coma do gando e tanto aquí coma no resto do mundo, foron combatidas desde sempre -ou iso intentábase- aproveitando os principios terapéuticos que conteñen as herbas. Realmente, durante séculos esta foi a única fonte posible da farmacopea, na que outros produtos, animais ou minerais, ocupaban un lugar moi reducido.

O lector poderá atopar nas páxinas seguintes unha chea de herbas que se utilizaron (e aínda se utilizan, dada a actualidade de moitas das informacións recollidas) para o tratamento de moi diferentes enfermidades. Tamén veremos moitos exemplos do uso terapéutico doutros produtos de orixe animal, como o mel, as prumas de galiña (negra, por suposto), a camisa da cobra, o unto do porco, a graxa do sapo, o caldo de rato etc.

O coñecemento destas plantas, da parte dela que posúe o valor terapéutico, do momento adecuado de recolección e do método de utilización para consegui-la curación do enfermo debeu proporcionar sempre a quen o posuía un status sobre os demais no que se baseou a sacralización do sanador, do menciñeiro, e a súa conversión en sacerdote ou meigo, xa que era necesario unir ó efecto terapéutico da propia herba -cando o posuía- a maxia e o ritual imprescindible para poder ou saber cura-las enfermidades, acto médico que así se convertía na expulsión do mal, no seu senso máis amplo.

Esta ciencia, que non é outra cousa cá actual medicina -humana ou veterinaria-, estivo por tal motivo sempre nas mans dos sacerdotes, druídas ou meigos, pechada directa ou indirectamente ó vulgo, e a súa práctica revestida dunha confusa amálgama de ciencia, maxia e superstición que aínda hoxe pervive na medicina popular e que desapareceu na medicina científica, á que mesmo se lle acusa dun certo exceso de pragmatismo.

Nos últimos anos, e por causas que non veñen ó caso, asistimos a un lento renacemento da medicina tradicional, na forma das denominadas medicinas alternativas, baseadas no uso das herbas e outras técnicas curativas empíricas. Así, España é o quinto país da Unión Europea no consumo de plantas con finalidade terapéutica [50].

Centrándonos nas herbas medicinais, a súa utilización na terapéutica das enfermidades humanas está documentada desde os primeiros momentos da historia escrita ata a actualidade. Foi a partir do século pasado, co desenvolvemento da química, cando se empezaron a sintetizar no laboratorio os principios activos, o que levou ó abandono do seu uso e incluso ó seu descrédito. Aínda así, a medicina tradicional, baseada no uso das herbas medicinais, conserva un importante papel e utilízase en tódolos ámbitos. Na actualidade, calcúlase que ó redor do 25% dos medicamentos utilizados hoxe en día conteñen unha ou máis substancias de orixe vexetal [51].

---

[47] No texto: *E cando se fartan* (sic) *de rilos señoritos*.

[48] No texto: *pes*.

[49] No texto: *amodiño*.

[50] Cómpre advertir que unha recolección excesiva destas herbas medicinais pode levalas á súa extinción: a macela real, especie endémica de Serra Nevada, e a árnica, por exemplo, están ó bordo da desaparición no noso país; un total de 150 especies de plantas aromáticas e medicinais europeas están en perigo. Pero resultaría inxusto botarlle toda a culpa desta situación ó seu uso na medicina tradicional, esquecéndonos da perda e alteracións do hábitat ou do uso e abuso de herbicidas e praguicidas.

[51] Un exemplo coñecido por todos sería o descubrimento da penicilina, o primeiro antibiótico, a partir de fungos que contaminaban as placas nas que Fleming cultivaba as bacterias causantes das enfermidades que estudaba. No mesmo senso, Becoña recolle o uso hai xa un século de pan de millo con balor para tratar enfermidades ou o po deste pan para cura-las feridas con brume (EBI).

Moito menos coñecido é o uso das herbas na medicina veterinaria, pero non parece que sexa menos común, a xulgar polos datos recollidos tanto por nós como polas numerosas fontes consultadas e que nos fan pensar que este uso é aínda hoxe unha alternativa real no medio rural [52]. Nas enfermidades que describimos a continuación iremos mencionando as plantas -ou outros produtos- utilizadas por gandeiros e menciñeiros para cura-lo gando, explicando cando as coñezamos as razóns terapéuticas que poidan xustifica-lo seu uso.

Con todo temos que facer unha importante matización. Nós reproducímo-la información que recibimos e, na medida do posible, engadímo-la descrición e propiedades terapéuticas que tomamos de libros de botánica. Pero non podemos asgeurar que acertásemos sempre nesa identificación. Concretamente hai tres casos que non demos identificado: o *corbito* (para a diarrea), os grans de *curuxón* (para a hernia) e a *eiviña* (como estradura). A experiencia dos especialistas en etnobotánica é que é moi dificil establecer con seguridade a denominación botánica de moitas das plantas que tiveron nalgún momento determinados usos, se non se ten un testigo vexetal das mesmas. Por veces non se consegue nin tendo unha parte (raíz, folla, flor, froito); é imprescindible dispoñer da planta completa para poder identificala e tamén cómpre saber en que fase da vida da planta ten esa capacidade terapéutica.

Por esa razón non sempre se poden tomar ó pé da letra as descricións que realizan os comunicantes, porque as características que para eles son máis salientables e o vocabulario que empregan poden non selos máis axeitados para describir o obxecto de estudo. E a isto aínda lle hai que engadir que a fala popular manexa con tal frecuencia a polisemia e a sinonimia, que por veces o significado varía entre veciños da mesma aldea [53].

Por último queremos advertir que na terapéutica popular tamén se utilizan plantas moito máis comúns e coñecidas coma os allos, o loureiro, a xarxa ou o fiúncho entre outros. Non as lematizamos por dúas razóns: primeiro, por estaren menos necesitadas de definición; segundo, porque as que lematizamos teñen un grao maior de especialización terapéutica: a *follaveira / herba do gando*, por poñer un caso, está indicada case exclusivamente para o carbuncho.

7178 **allaveira** *s.f.* Heléboro. Ver HERBA DO GANDO 1 /7217. As nosas fontes esbriben *allabeira*. (Burón, Neiro, Suarna).

7179 **barba** *s.f.* Ver BARBELA 2 /7182. (Com1, Dum., Gro1, Gud., Gui., Laxe, Mel1, Mez., Nove., Razo, SComba, Sob., Toba, Vala).

7180 **barbada 3** *s.f.* Ver BARBELA 2 /7182. (Xun2).

7181 **barbadela 2** *s.f.* Ver BARBELA 2 /7182. (ERG).

7182 **barbela 2** *s.f.* Peluxe da espiga do millo, que se usa en infusión diurética para o cólico de ril e para facilita-la micción. A *barbela* ou *barbas de millo* son en realidade os estilos das numerosas flores femininas que, agrupadas en espiga, formarán a mazaroca. As flores masculinas, pola súa parte, agrúpanse neses panículos terminais que coroan a cana do millo, e que se coñecen como *pendón*. Font Quer recolle o uso na medicina tradicional humana da barbela do millo, en infusión, porque "las barbas o cabellera de maíz tienen virtudes diuréticas realmente eficaces y de acción muy segura cuando se emplean bien colectadas; no irritan jamás. Siempre que se crea necesario activar la secreción urinaria pueden prestar excelentes servicios" (FQ:946). (Común).

7183 **boieira 6** *s.f.* Carqueixa boieira (Ver CARQUEIXA BOIEIRA /7210). Crespo Pozo defínea como especie de xesta que adopta a forma de mata leñosa. (CP, DRAG, FVG).

7184 **carlina** *s.f. Carlina vulgaris* ou *C. acaulis*. Herba que se empregou como diurética en medicina humana e en veterinaria. Atribúeselle o nome ó feito de que o emperador Carlomagno utilizaba as raíces desta planta contra a peste. (ERG).

7185 **carpanza** *s.f.* Ver CARPAZA /7186. (Piquín).

7186 **carpaza** *s.f. Cistus hipocistis*, planta que se usa como diurética para os becerros, máis coñecida como *queirota branca*. (ERG, Piquín, XRG).

7187 **ceruda** *s.f.* Celidonia (*Chelidonium maius*), planta empregada como remedio para cura-las vacas. O noso informante non especifica a enfermidade do gando na que se utiliza esta planta. Nós coñecémo-lo seu uso na medicina humana contra as espullas, fregándoas co látex laranxa que deitan as follas e o talo. (Gud5).

7188 **chaveira** *s.f.* Ver HERBA DO GANDO 1 /7217. A nosa fonte escribe *Chabeira*. O noso informante de Incio identifica esta planta co *Ledum palustre*, pero Sarmiento xa identificaba esta planta co heléboro. FVG, que usa a forma *chaveiro*, identificaa co *Helleborus foetidus* ou co *H. viridis*. Reproducímo-lo que escribe Sarmiento a través do *Diccionario de Diccionarios*

[52] AGS e EB1, por citar só dúas fontes, recollen exemplos de abondo da utilización das plantas na medicina veterinaria.

[53] Agradecémo-la información que nos facilitan os profesores Javier Amigo Vázquez e Manuel Antonio Rodríguez Guitián.

de Antón Santamarina: 1. *herba chaveira*: Es el heléboro (*chaveira*), acaso de *clavus*, enfermedad (Catálogo VF 1745-1755). 2. *chaveira*: Chavera. Llaman así en el Bierzo a lo que en Samos *chaveira*, y es el heléboro. De *clavus*, enfermedad en Plinio (Catálogo VF 1745-1755). 3. *erba chaveira o chaveiro*: (O, creo, *craveira*). Llaman así en Galicia al heléboro, acaso porque cura el lobado de los bueyes etc., que en Plinio se dice *clavus*. Véase el lobado en los Papeles Castellanos (Catálogo VF 1745-1755). 4. *herba forte y herba herbedal*: Llaman así en Pontevedra al eléboro negro (en gallego *chaveira*), útil para las enfermedades de bueyes y caballerías. Vila: tiene siete y nueve como dedos por hojas. (Catálogo ...vegetables 1754-1758). 5. *herba chaveira*: [Planta del] Género Helleborus (*Ellebore noir*) del sistema de Monsieur Tournefort. (Do apéndice: Onomástico latín-gallego de los vegetables que vio el Padre Sarmiento. Catálogo ...vegetables 1754-1758). 6. *chaveiro*: *Helleborus*. *herba da papeyra*, *herba chaveira* en Celanova; *herba da sarna*; *herba do gando*; *herba do porco*; *herba da coita*, Caldelas; *herba da braña* (Lista do "Borrón de varios nombres gallegos de vegetables", apéndice do CVVVGDV. *Catálogo ...vegetables*). (Incio).

7189 **chaveiro** *s.m.* Ver CHAVEIRA /7188. (FVG).

7190 **cheveira** *s.f.* Ver CHAVEIRA /7188. A nosa fonte escribe *chebeira*. (Incio).

7191 **follaveira** *s.f.* Ver HERBA DO GANDO 1 /7217. A nosa fonte escribe *follabeira*. Non é doado establecer se a consoante da penúltima sílaba ha de ser be ou uve. Se supoñemos que a denominación orixinal foi *chaveira* porque na orixe está, como dixo Sarmiento, a palabra latina *clavus*, a grafía correcta sería con uve (*chaveira*). Existe unha etimoloxía popular diferente pero que leva ó mesmo resultado gráfico. É a que reproduce Font Quer "*hierba llavera*, llave del año, porque abriendo sus flores por Navidad es como heraldo del año venidero, mejor o peor según el número de folículos que traen las flores en su fruto" (FQ:206). En calquera dos dous casos habería que concluír que as formas *llaveira*, *ollaveira*, *allaveira*, *follaveira* son todas produto dun influxo castelán que, en cambio, non parece ter parangón nas outras informacións procedentes dos mesmos lugares (A Fonsagrada, Burón, Suarna etc). (Carba1).

7192 **herbanzos** *s.m.pl.* Tratamento do mañoso a base de herbas. *Pra mortanzos non sirven herbanzos*. (Piquín).

7193 **madroña** *s.f.* Planta medicinal para o gando. Non atopamos ningunha herba con esta denominación, pero ben poidera se-la *madroa* ou *herba madroa* (*Chrysanthemum parthenium*), tamén chamada herba da Nosa Señora e utilizada en medicina tradicional como tónico e febrífugo, ou outra herba (*Artemisia vulgaris*), coñecida polos mesmos nomes populares, que tamén se emprega como medicinal. (Cal., XER).

7194 **ollaveira** *s.f.* Ver HERBA DO GANDO 1 /7217. Disque cura as lombrigas dos becerros só con ulila. A nosa fonte escribe *ollabeira*. Aníbal Otero defínea como "planta medicinal para cortar las lombrices a los terneros (sólo con olerla) y para *herbar* cerdos. La *ollabeira femia* tiene flores blancas, el macho carece de ellas. [...] Para *herbar* se usa la planta macho para los machos y la hembra para las hembras. Es el *Heleborus* [sic] *foetidus* L., cast. *hierba llavera*). *Allabeira*, en Riutorto". Parece ser igualmente eficaz para mata-las lombrigas da xente (AO:*herba llabeira*). (Made).

7195 **queiroa** *s.f.* Ver QUEIROTA /7197. (ERG).

7196 **queiroga** *s.f.* Ver QUEIROTA /7197. (ERG, Martín).

7197 **queirota** *s.f.* Planta ericácea. Úsase na loc. *botalas vacas ás queirotas* (A. Otero). (Barcia, Piquín).

7198 **retrama** *s.f.* Herba medicinal para os animais. (Razo).

7199 **seisebra** *s.f.* Ver SEIXEBRA /7200. (Ped1).

7200 **seixebra** *s.f.* Planta medicinal que se usa como vermífugo, moendo a semente, sg. Sarmiento. Nas guías de plantas que manexamos dáse este nome (ou as variantes *sinxebra*, *xinxebra* etc.) a dúas plantas distintas: o *Teucrium scorodonia* e a *Saxifraga tridactylites*. A primeira, "frolece polo vran antre pedras e seixos (de ahí lle ven o nome). Emprégase en menciñas pra facer mexar" (XRG:111). Font Quer non menciona esta especie, pero si outras do mesmo xénero, para as que recolle propiedades vermífugas. Da segunda, Eladio Rodríguez dinos que se trata da "Saxífraga, planta anual de flores pequeñas blancas y negras y pétalos blancos; SAXÍFRAGA y SINXEBRA. Crece en las paredes y muros viejos; suele darse contra las lombrices y los dolores de estómago; abunda en las inmediaciones del Pico Sagro, y en aquella comarca la usaban en cocimiento contra la sarna" (ERG). Tampouco cita esta especie Font Quer, e en ningunha das outras do mesmo xénero, que describe, recoñece outras propiedades medicinais cá de ser vulnerarias ou abortivas. (Burón, ERG, FMS, Nove).

7201 **sinxebra** *s.f.* Ver SEIXEBRA /7200. (ERG).

7202 **triaca** *s.f. Tanacetum vulgare*, herba utilizada contra as lombrigas, a diarrea e para combati-lo veleno das cobras. Eladio Rodríguez recolle o uso desta herba para couta-las epidemias de

nacida (carbuncho) en Santiago no século XVI: "La enfermedad ataca también a las personas, a veces con carácter grave y efectos de verdadera epidemia, como ocurrió en pasados tiempos, causando gran número de víctimas, tanto que el Ayuntamiento compostelano se creyó obligado a adoptar severas medidas, disponiendo que en las calles y *á bocanoite*, se quemasen ramos de laurel y romero para 'esparcir los aires malos', se refrescasen las calles dos veces al día, se evitasen en ellas los puercos y se mandase buscar triaca que no la había en las boticas" (ERG:*nacida*). Pero na entrada *triaca* só di: "Confección farmacéutica antigua, usada en mordeduras de animales venenosos". Para o DRAE tampouco é unha herba determinada senón un composto farmacéutico formado de diferentes herbas e, principalmente, opio. En Burón (que dá a forma *tríaca*) recollen o seu uso só contra a diarrea porcina. Font Quer só lle recoñece propiedades medicinais como antihelmíntica (de feito, un dos seus nomes galegos é o de *herba lombrigueira*, FVG:111, VCN:130), pero menciona tamén o uso case máxico que se lle deu noutros tempos concretamente en Galicia: "Ponderando sus propiedades excepcionales y múltiples, en el noroeste de la Península la llaman *triaca*. Y aun dicen de ella: *Al lado derecho/ de mi casaca,/ para contraveneno/ llevo triaca*. Así lo recogió Masclans en el alto valle del Sil, donde sirve de panacea contra las picaduras de toda clase de insectos y las mordeduras de las culebras" (FQ:813). (Burón, ERG).

7203 **xeixebra** *s.f.* Ver SEIXEBRA /7200. (Piquín, Suarna).

7204 **xeixebre** *s.m.* Ver SEIXEBRA /7200. (Lugo1).

7205 **xeixebro** *s.m.* Ver SEIXEBRA /7200. (ERG, Lan.).

7206 **xenxebra** *s.f.* Ver SEIXEBRA /7200. (Cab., Lemos2, Mon., Pantón).

7207 **xenxebre** *s.f.* Ver SEIXEBRA /7200. (Cal., Ced).

7208 **xenxébrega** *s.f.* Ver SEIXEBRA /7200. (Incio).

7209 **barbas do millo** *s.comp.f.pl.* Ver BARBELA 2 /7182. (ERG).

7210 **carqueixa boieira** *s.comp.f. Halimium lasianthum*. Arbusto semileñoso que se utiliza como alimento do gando con intención medicinal. En Galicia florecen dous tipos de carqueixa, a chamada *carqueixa boieira* (*Halimium lasianthum* (antes, *H. occidentale*) e maila *carqueixa lavacuncas* (*Chamaespartum tridentatum*). O gando vacún come ben as dúas especies. E a *boieira* debe o nome a esa cualidade. Pero mentres a primeira se considera simple alimento, a segunda tense tamén por probado remedio contra a inapetencia do gando vacún e cabalar. Temos comprobado esta práctica en Caritel, de onde levan as vacas a Cortegada (Verducido, A Lama) a comer esa carqueixa e a beber auga que corre entre carqueixas (*auga de carqueixa*). Non debemos, polo tanto, confundi-la *carqueixa boieira*, tamén chamada *herba dos bois*, coa *carqueixa lavacuncas*, que debe este seu nome popular a que se usaba como freganzo para lava-las potas. Estoutra carqueixa ten recoñecida sona de medicinal en casos de gota, reuma e artrite. As flores son eméticas, purgantes e tónicas, pero en infusión son laxantes e diuréticas, segundo ERG. O P. Sarmiento falou da carqueixa repetidas veces, relacionándoa co latín *quercus*. FVG recolle tamén a forma *carqueixa bolleira*. (Común).

7211 **espiga reina** *s.comp.f.* Espiga de millo cos grans vermellos e que se conserva para usala contra certas enfermidades do gando, que o noso informante non especifica. Eladio Rodríguez dános esta descrición: "La espiga de maiz que tiene los granos encarnados, y que muy rara vez aparece entre las demás cuando se practica la faena de la *esfolla*. La espigadora que la encuentra es considerada como de mucha suerte, pues la espiga se conserva porque se emplea como medicamento para ciertas enfermedades del ganado". (ERG).

7212 **herba chaveira** *s.comp.f.* Ver HERBA DO GANDO 1 /7217. Rivas Quintas dí simplemente "Clase de hierba (*erba chaveira*)" e localízao en Quiroga, Lugo. (ERG, ERQ3, FVG).

7213 **herba da esquita** *s.comp.f.* Herba utilizada antigamente como remedio para facilita-la expulsión da placenta. (Hermi.).

7214 **herba das rosas** *s.comp.f.* Planta -que non podemos identificar- que se usa como remedio contra as *rosas* ou tiña. (Piquín).

7215 **herba de herbar** *s.comp.f.* Ver HERBA DO GANDO 1 /7217. (Piquín).

7216 **herba do gado** *s.comp.f.* Ver HERBA DO GANDO 1 /7217. (Cal., Mra., MVN, Raiaseca, Xun.).

7217 **herba do gando 1** *s.comp.f. Helleborus foetidus* ou *H. viridis*, herba medicinal utilizada tradicionalmente para cura-lo carbuncho do gando, tamén coñecida como *herba dos bois*. Utilízase en medicina veterinaria desde moi antigo (aparece citada no tratado de Columela *De re rustica*) como rubefaciente e vesicante, introducindo baixo a pel do animal enfermo un trozo de talo ou de raíz, operación á que se lle chama *herbar*, o que dá idea da consideración de *herba* por antonomasia a esta da que falamos. O seu uso contra o carbuncho non se reduce a Galicia. Font Quer recólleo tamén no Alto Garoña (Burgos), onde "se utiliza la raíz del eléboro para atajar el carbunco del

ganado, sobre todo el lobado que se forma en la papada de los bóvidos, introduciendo un fragmento de la raíz en un repliegue de la piel, lo cual acaba provocando una gran afuencia de sangre en aquella región, a menudo de consecuencias saludables para el animal" (FQ:206). Segundo Rivas Quintas, utilízase para mata-las lombrigas, no gando e na xente. Antonio Rigueiro di que "o rizoma e raíces antigamente empregábanse en medicina, en substitución da dixital, polas súas propiedades cardiotónicas. Hoxe non se usa debido á súa alta toxicidade" (ARR:155). Coñecemos unha abondosa sinonimia desta planta, que se pode dividir en dous grupos. No primeiro, os nomes fan referencia ó seu uso nas doenzas dos animais: *herba besteira*, *herba do lobo*, *herba do porco*, *herba do gando*, *herba dos bois*, *herba forte*, *herba papeira* etc. No segundo, á época de floración: *allaveira*, *chaveira*, *cheveira*, *follaveira*, *herba llaveira* e *ollaveira* (e en cast. *hierba llavera*), "porque abriendo sus flores por Navidad, es como heraldo del año venidero, mejor o peor según el número de folículos que traen las flores en su fruto" (FQ:206). (ARR:153, FVG:46, MVN, XRG2:103).

7218 **herba dos bois 1** *s.comp.f.* Ver HERBA DO GANDO 1 /7217. (FVG:046).

7219 **herba dos bois 2** *s.comp.f.* Ver CARQUEIXA BOIEIRA /7210. (FVG:074).

7220 **herba *llaveira** *s.comp.f.* Ver OLLAVEIRA /7194. (Piquín).

7221 **queirota branca** *s.comp.f.* Planta medicinal utilizada como diurética no gando vacún. (Barcia).

7222 **oficinal** *adx.* [Herba] que se usa como medicinal. Así, o uso medicinal de multitude de herbas utilizadas na farmacopea antiga quedou recollido nos seus nomes científicos. A modo de exemplo, citémo-las seguintes herbas utilizadas na medicina tradicional: *Betonica officinalis* (betónica), *Fumaria officinalis* (fumaria, como diurética e depurativa), *Melilotus officinalis* (meliloto, chuchamel, como antiespasmódica, anticoagulante e astrinxente), *Nasturtium officinale*, hoxe *Rorippa nasturtium-aquaticum* (berro, agrón, como antiescorbútica), *Pulmonaria officinalis* (pulmonaria), *Valeriana officinalis* (valeriana, antiespasmódica e sedante), *Veronica officinalis* (verónica, balsámica e vulneraria), *Taraxacum officinale* (mexacán, leitaruga, como diurética e depurativa). (ERG).

A herba piniña todo mal tira. (VLLM:2,490) [54]
Cinza de borralleira, herba do monte e aceite de olivas, boa pra empinxas e fridas. (VLLM:2,503) [55]
Fervendo hedreira, fregas á muller e logo abrégoa. (VLLM:2,516) [56]
Nove follas de hedreira fan abregoar ás femias. (VLLM:2,516) [57]
Sete follas de hedreira, fregas á muller e logo abrégoa. (VLLM:2,516) [58]

8.1.5. Epidemias ou andazos

As doenzas infecciosas, provocadas por virus ou bacterias, transmítense desde a persoa ou animal enfermos ou portadores á persoa ou animal san, con maior ou menor facilidade segundo diferentes factores. A diferente facilidade de transmisión converte a enfermidade en casos illados ou en epidemias.

Tradicionalmente, admítese que unha *epidemia* (do grego *epí* "por, sobre" e *demos* "pobo") ou andazo é unha enfermidade que afecta simultaneamente gran número de individuos nun territorio máis ou menos extenso, sen prexulga-la súa gravidade. É a conxunción destes tres caracteres (coincidencia no tempo, número elevado de enfermos e presentación nunha zona xeográfica ampla) o que define as epidemias.

---

[54] Llópiz explica que esta herba, tamén chamada *herba piñeiriña* é o mirabel, planta labiada, que ten un talo que bota un zume viscoso de aspecto e olor que fai lembra-la trementina e engade que na medicina popular fanse empastos con este zume para reduci-los inchazos e para cura-las feridas.

[55] Llópiz escribe *borraleira* (cousa que corriximos porque nos parece un erro de escritura) e explica que se usa *para curar empeines* (sic), *herpes y llagas supurantes*; recólleo de Fray Bermuz, Arzúa.

[56] Llópiz: *edreira, â*; explica que *abregoar* é expulsa-la placenta e as secundinas e que con este remedio pretendíase alivia-las paridas e evitar complicacións. Comentando un refrán paralelo di que se aplicaba tamén en albeitería. Recólleo de Rafaela Gutiérrez, profesora en partos de Vigo.

Font Quer non recolle para a hedra ningunha indicación neste sentido, pero si que lle recoñece propiedades vasodilatadoras en pequenas doses e vasoconstritoras a doses altas, o que a converte en vomitiva e mesmo tóxica por vía interna. En cocemento e por vía externa aconséllase para activa-la cicatrización de calquera chaga e úlcera tórpida (FQ:472).

[57] Llópiz: *edreira, fan*, *âs*; explica que as fregas se deben dar coa infusión das hedras no ventre. Recólleo de E. Couñago Puga, do Porriño, e di que tamén se utiliza en albeitería.

[58] Llópiz: *edreira*.

Se o ámbito xeográfico se limita a un país ou a unha zona determinada, cunha prevalencia habitual e picos temporais, fálase dunha *endemia* (do grego *endemía* "que está dentro dun pobo").

Se se trata dunha enfermidade que se estende a varios países ata adquirir carácter internacional, fálase dunha *pandemia* (do grego *pandemía* "común a todo o pobo", do grego *pan* "todo" + *demos* "pobo").

Exemplos coñecidos de epidemias foron a *peste negra*, na Idade Media; a mal chamada *gripe española* (en 1918, á que se lle atribúen entre 25 e 50 millóns de mortes en todo o mundo); ou a *sida*, coñecida desde 1981, con máis de 27 millóns de mortes ata 2008 [59]. Pero non é unha elevada mortandade o que caracteriza unha epidemia senón a súa capacidade de difusión e a súa extensión xeográfica. As epidemias de gripe aviar ou, sobre todo, da gripe A son un claro exemplo: o número de mortos relacionados coa gripe A ronda case os 12.200 (a últimos do 2009) pero a enfermidade diagnosticouse xa en 208 países [60]: é dicir, aínda que a morbilidade desta gripe A é moi inferior ás epidemias citadas antes, o grave é que afecte máis do 90% dos estados do mundo.

Cando a enfermidade se estende só entre animais, coas mesmas características de número de casos simultaneamente nun mesmo ámbito xeográfico, denomínase *epizootia* (do grego *epí* "por, sobre" e *zóon* "animal").

Publicacións divulgativas sobre o coñecemento e prevención das enfermidades epidémicas ou contaxiosas existe unha importante bibliografía. Ademais dos escritos veterinarios repetidamente citados, queremos lembrar o traballo de Cayetano López de contra 1941 (CL).

7223 **andacio** *s.m.* Epidemia. ERG di que se usa máis referido á xente. Dos animais dise, máis ben, *peste*. (Común).

7224 **andacío** *s.m.* Ver ANDACIO /7223. (Fra.).

7225 **andancia** *s.f.* Ver ANDACIO /7223. (Ped1, Suarna).

7226 **andaxe** *s.m.* Ver ANDACIO /7223. (Com1, Cur., ERG).

7227 **andazo** *s.m.* Ver ANDACIO /7223. (Com1, Cur., Dum., ERG, JMP, Toba).

7228 **apidemia** *s.f.* Ver EPIDEMIA /7234. (Cur.).

7229 **ataque** *s.m.* Invasión súbita dunha enfermidade epidémica. (ERG).

7230 **coriana** *s.f.* Epidemia. Rivas Quintas di que procede de *gripe coreana*, famosa gripe asiática de hai anos. (Fra.).

7231 **debida** *s.f.* Enfermidade epidémica dos animais. *Pegoulle unha debida de rosas*. (Piquín).

7232 **debidia** *s.f.* Ver DEBIDA /7231. (Carba., Piquín).

7233 **deribia** *s.f.* Ver DEBIDA /7231. *Ter unha deribia de pollos, sarna, etc*. (Piquín).

7234 **epidemia** *s.f.* Enfermidade infecciosa que afecta ó mesmo tempo e no mesmo ámbito xeográfico a gran número de persoas ou animais. (Común).

7235 **peste 1** *s.f.* Enfermidade epidémica grave. ERG di que é máis ben epidemia do gando porque na xente chámase *andacio*. (Común).

7236 **pidemia** *s.f.* Ver EPIDEMIA /7234. (Com1).

7237 **pondemia** *s.f.* Ver EPIDEMIA /7234. Non sabemos se esta voz é simplemente unha variante de *epidemia* ou un uso incorrecto dunha forma específica de epidemia denominada tecnicamente *pandemia*, e que se caracteriza por unha difusión xeográfica que afecta varios países á vez. Así, a famosa epidemia de gripe asiática foi, realmente, unha pandemia. (Com1).

8.2. Patoloxía non identificada

Recollemos a continuación un grupo de denominacións e informacións que se refiren a enfermidades ou síndromes que non podemos relacionar con ningunha patoloxía concreta e descrita con causas e efectos coñecidos. Boa parte delas proceden das respostas á enquisa do ILG, que incluía 27 preguntas para coñecelos nomes que se lles daba a distintas patoloxías, mellor ou peor definidas e unha última para recoller *outras enfermidades do gando*. Para esta, os nosos informantes non nos deron datos abondos que permitisen identifica-la enfermidade e limitáronse a dar unha relación, máis ou menos ampla, de enfermidades do gando. Noutras ocasións, os síntomas, etioloxías ou descricións que daban eran contraditorios, polo que non nos atrevemos a clasifica-la voz correspondente nunha patoloxía determinada.

[59] Neste ano 2008 contabilizábanse máis de 33 millóns de infectados en todo o mundo, cifra que se incrementa anualmente en 2,5-3 millóns de novos infectados [http://www.who.int/features/factfiles/hiv/facts/es/index.html 16.12.2009].

[60] http://www.who.int/csr/don/2009_12_11a/en/index.html [16.12.2009]. En decembro de 2009, a cifra de mortandade en España era de 208 persoas [http://www.msps.es/servCiudadanos/alertas/informesGripeA/091210.htm 16.12.2009]; en Galicia, as cifras oficiais eran de tres vítimas mortais, se ben un informe interno da Consellería de Sanidade admitía que eran 11 os galegos mortos ata entón (VG2:19.11.2009).

Pola contra hai veces, sobre todo no caso dos cuestionarios do ILG, nas que as informacións recollidas responden a unha pregunta sobre unha patoloxía concreta e o informante engade explicacións, síntomas ou tratamentos que nos crearon dúbidas. Non podemos confirmar esta información pero tampouco queremos rexeitala por sospeitosa, e nestas ocasións decidimos clasificar estas voces no apartado que nos parece máis coherente, engadindo unha observación que indica a nosa dúbida e atribúe a fidelidade da cita ó informante de cada voz.

Vexamos, a modo de exemplo, tres informacións claramente insuficientes á hora de intentar recoñecelo que nos están describindo:

> *Se consideran enfermas cuando cuando no dan leche, etc. 1. [...] 2. Si no dan leche se les peina la ubre con un peine haciendo la señal de la cruz* [61].
>
> *Se colle frío o gado: Fretas cunha corda enroscada e augardente, pola barriga e lombo; ferverlle dous cuartillos de viño con roméu e darllo; porlle unha mantorra. Ós porcos, fretas con gas. É bo pra entrambos, que se deiten en tascos* [62].
>
> *Para cando lle daba certo mal á cabeza da facenda, facían bafos de xarxa e romeu cocidos en viño; meténdolle a cabeza das vacas dentro dun saco para que tomaran aqueles bafos* [63].

7238 **ácidos** *s.m.pl.* O noso informante só di que "empieza a hinchar y muere". (Damil).

7239 **agoadillas** *s.f.pl.* A nosa fonte defíneo como "defecto físico dos becerros", sen especificar de que se trata. (Vala).

7240 **anginia** *s.f. Ú. m. en pl.* A nosa fonte inclúe esta voz nunha epígrafe xenérica "Outras enfermidades do gando", engadindo como equivalente *Anginas*. As populares *anxinas* (tecnicamente, amigdalite) consisten nunha inflamación das amígdalas, masas linfáticas situadas no veo do padal. Frecuentes na clínica humana, o seu diagnóstico é practicamente imposible na clínica veterinaria, polo que non podemos identifica-la patoloxía que designan os nosos informantes. (Noalla, Verdu).

7241 **ardoa** *s.f.* Certa enfermidade do gando vacún que o informante non identifica. (Meis).

7242 **cabezón 2** *s.m.* Enfermidade que ataca ás vacas, equinos e ovellas na cabeza. (Suarna, Vil.).

7243 **calabazón** *s.m.* Enfermidade que ataca ás vacas e equinos na cabeza. Ancares2 recolle esta voz para denominar unha "enfermedad de las vacas, consistente en que se les sube la sangre a la cabeza y hay que matarlas, (sangrarlas), inmediatamente" (Ancares2:109). Noutro momento defíneo como "hinchazón de ojos y cara" (Ancares2:197), que tampouco nos permite avanzar un diagnóstico. Pero faino sinónimo de *enranar*, en Oseja de Sajambre (León), y de *arranar*, en Pola de Lena (Asturias). De ser certa esta sinonimia e, por similitude con outras formas que temos recollidas cunha descrición máis completa, é posible que se refira a un carbuncho sintomático. (Ancares2, Fol-LE, Ped1).

7244 **carrocha** *s.f.* A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis explicacións, nunha epígrafe xenérica "outras enfermidades do gando". Podería ser unha variante de *carrachas*. (Valad1).

7245 **coita** *s.f.* Inchazo no peito do gando vacún, que pode causarlle a morte. Pola descrición podería se-lo carbuncho. Ver comentario de Parade. a COUTAR 1 /7162 en 8.1.2. Pola súa banda, Eladio Rodríguez define como: "Especie de tumor que se forma en el pecho del ganado vacuno y va creciendo hasta causar la muerte". Con estes datos non podemos asegura-lo diagnóstico. Outros informantes describen o carbuncho con datos semellantes (inchazo no peito e mortal) pero quédano-la dúbida de se esta *coita* será unha reticulo-pericardite traumática (ver 8.5.15), que, tamén, adoita ser mortal pero que de ningunha maneira se curaría con antibióticos, como afirma Parade. Poida ser, tamén, que exista un erro na recollida da información no caso de Paradela e que o tratamento con *penicilina* o recollera para a mamite: na páxina 281 menciona a *polmoeira, pulmoeira ou polmoira*, enfermidade caracterizada pola inflamación do ubre e que describe coas mesmas palabras, repitindo textualmente tanto a posibilidade de causa-la morte como o tratamento a base de caldo de puxa de castañas, cruces coa peseta de prata e, agora, penicilina. (ERG, Parade.).

7246 **crudo** *s.m.* A nosa fonte explica que é "difteria". Ignoramos a que síntomas alude, dado que esa é enfermidade humana. Co nome de *crup* (e

61 Ons:629.

62 Lim6:704.

63 Raiaseca:265.

garrotillo) designábase hai anos a difteria humana e outras enfermidades das vías respiratorias altas. Recollemos este *crudo* nesta monografía do gando vacún só porque a tal enfermidade está incluída nun cuestionario especifico sobre este gando, supoñendo que designará algunha enfermidade respiratoria. (Gaxate, Noalla).

7247 **chimbón 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Enfermidade non identificada da vaca. Podiamos identifica-los *chimbóns* co carbuncho, non sen reservas, pola referencia que fai Sarmiento á "enfermedad que se cura con el helléboro" (Ver HERBA DO GANDO 1 /7217), pero os outros datos que dá, el e mailos outros informantes, son contraditorios. Martín Sarmiento di o seguinte: "*Chimbón*. En el mismo país [cara o Monte Seixo en Cotobade-A Lama] es una enfermedad como desmayo o vahido que obliga a caerse. Es de bueyes" (FMS:409). E máis adiante: "La enfermedad de arriba es peculiar del género vacuno. Dicen que andan inquietos y que tiran coces. Cúranlos así: le hacen en el lomo una sajadura en cruz, y después le dan allí con una vara de azibo dos golpes en cruz, y sanan. Acaso será la enfermedad que se cura con el helléboro, y por eso llamarán a éste, en la Puebla del Deán, *herba da cruz*". O noso informante en CarbCo describe así esta doenza: "se hincha la vaca; es creencia popular que se curan con ramos de Pascua benditos". No Grove explicáronnos que os *chimbóns* "sons uns vultiños que as vacas teñen na gorxa (e o informante sinalaba tralas queixadas), que hai que ver se os teñen ou non ó mercalas. Estes vultos, ás veces inchan e chámanse *chimbóns*, e poden rebentar ou non. Se rebentan, botan materia e non dan curado, e entón chámanse *lamparóns*" (Gro2). Probablemente o informante se estivese referindo a unha inflamación dos ganglios linfáticos retrofarínxeos, pero isto tampouco nos permite identifica-la enfermidade, xa que estas adenites se dan en diversos procesos infecciosos crónicos, particularmente na tuberculose. Pero lembremos que outro informante do Grove identificaba o *chimbón* cunha "chaga supurante" (Gro1). Lis Quibén di que se trata dunha enfermidade específica das vacas e engade un ensalmo para curalos, recollido tamén en Cotobade (VLQ:309): *No Monte Calvario/ tres siervos andaban/ cavando e minando,/ para buscar o aron,/ para matar o Chimbóns* [sic]*./ Pol-a gracia de Dios/ e da Virxen María,/ un Padre Nuestro / e-un Ave María*. (CarbCo., FMS, Gro2, VLQ).

7248 **garfos** *s.m. pl.* A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis explicacións, nunha epígrafe xenérica "outras enfermidades do gando". (Oirán).

7249 **garrote 2** *s.m.* A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis explicacións, nunha epígrafe xenérica "outras enfermidades do gando". (Camba).

7250 **gotarén** *s.m.* Enfermidade caracterizada por inchazón en distintas partes do corpo. O noso informante en Arroxo engade que presenta supuración humoral nos ollos e fociño, e di que cura cunha sangradura na orella ou na lingua. Numerosos procesos respiratorios cursan con secreción mucosa en ollos e fosas nasais, que se torna purulenta se o cadro se complica con infeccións secundarias. A suposta acción terapéutica da sangradura é, en calquera caso, inútil. (Arroxo, Suarna).

7251 **gotarón** *s.m.* Ver GOTARÉN /7250. Aínda que polo nome pode parecer unha variedade de *gota* (epilepsia) polos síntomas é cousa distinta, pero non sabemos identificala. (Burón).

7252 **goxo** *s.m.* Infección da pel. Crese que a causa unha araña. Copiamos de Risco a seguinte explicación: "De la araña es creencia unánime que suelta una suerte de virus llamado *coxo* o *goxo*, el cual comunica, no sólo por la picadura, sino por simple contacto, directo o indirecto. Si una persona está durmiendo y una araña pasa rozando su piel, puede comunicarle el *coxo*; si sobre la ropa puesta a secar en un tendal, pasa una araña, deja allí el *coxo*, y el que se ponga aquella ropa o se abrigue con aquellas sábanas lo adquiere. El *coxo* no es mortal, pero es molesto y difícil de curar. Se manifiesta por una suerte de sarpullido, rojizo u oscuro, que cubre una zona de la piel, la cual, a veces, tiene la misma forma del animal que lo causó. En Cualedro (Orense) una muchacha que lo tuvo, en el cuello, nos refería que tenía la araña *escrita* -es decir, perfectamente dibujada- en el pescuezo, por el *coxo*. El *coxo* se cura, generalmente, por medio de oraciones y conjuros mágicos, aunque también se aconseja, a veces, la aplicación de objetos de metal: cobre o acero; si bien este medio da mejor resultado para las picaduras de mosquitos, moscas, avispas y abejas. La operación mágico-litúrgica se llama *bendecir* o *tallar* (cortar) *os coxos*" (VR:167-168). (Ver3,VR.).

7253 **gripe 2** *s.m.* Calquera enfermidade non identificada do gando. "Con el nombre de *gripe* se conocen indistintamente cualquier afección de los vacunos tal como las protuberancias de las pezuñas, verrugas de la lengua y otras enfermedades que no conocen. [...] Todas las demas enfermedades desconocidas para el

campesino, como antes dije, toman el nombre de *gripe*". (Tabor).

7254 **lolo 1** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "enfermedad que provoca sensación de vértigo en el animal". Parece tratarse dun cadro inicial de epilepsia, popularmente gota, pero non o podemos asegurar. Téñase presente, tamén, que temos recollido *lolo* co significado de carbuncho, no Saviñao. (Fri.).

7255 **médulas** *s.f. pl.* A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis explicacións, nunha epígrafe xenérica "outras enfermidades do gando". (Ribe2).

7256 **melón** *s.m.* As nosas fontes explícano como unha caída do pelo. Tanto pode ser unha tiña como unha sarna. *Melón* e *refriado* (ver máis adiante) están relacionados. As dúas son enfermidades do pelo en Mondo2, e definidas por outras fontes como: *melón*: "enfermedad que afecta al pelo de la vaca" (Cab., Cre., Feás-A), e *refriado*: "enfermedad del ganado vacuno que le hace caer el pelo de las patas traseras" (Feás-A). En Asturias tamén aparece recollida esta voz, baixo a forma *mellón*, descrita nun sitio como "alopecia" (LC:305) e noutro como "especie de tiña" (LC:306). XER só di "Enfermidade que afecta ó pelo do gando, esp. ó vacún". (Cab., Cre., Feás-A, Mondo2, XER).

7257 **morto 2** *s.m.* A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis explicacións, nunha epígrafe xenérica "outras enfermidades do gando". En Ben. temos recollida esta mesma voz para denomina-la necrobacilose podal, pero non nos consta que sexa o mesmo. (Negra.).

7258 **nacíus** *s.m. Ú. m. en pl.* O noso informante define como "tumores". É posible que teña algunha relación co que coñecemos como *nacidas*, ou carbuncho, que provoca, entre outros síntomas, tumefaccións nas masas musculares, pero non o identificamos como tal porque o mesmo informante recolle con ese significado as voces de *mal bravo* e *mal rin*. (Ancares2).

7259 **nó** *s.m.* Vulto ou tumor nos ósos ou tendóns. (ERG).

7260 **palmoeira 6** *s.f.* Enfermidade pulmonar da vaca que non se pode identificar con ningunha patoloxía concreta. O noso informante en Baltar explícanos que "se lle forman legañas, tos forte e perden a fame; choran". Tamén en Oroso1 dan a mesma sintomatoloxía: "Enfermedad pulmonar, cuyos síntomas son: fuerte tos, falta de apetito, tristeza, lágrimas". (Arzón, Baltar, Negr2, Oroso1, Rus).

7261 **pichón** *s.m.* Vulto externo na carne dun animal. (Nove).

7262 **porca 1** *s.f.* Calquera quiste que teña a vaca, sexa por leucose, hipodermose, papilomatose ou ganglios infartados. En Dumbría tamén designan con este nome o bocio. (Dum., Toba).

7263 **presa 2** *s.f.* Enfermidade das vacas semellante á gota. (Gud., Mez).

7264 **pulmoeira 3** *s.f.* Ver PALMOEIRA 6 /7260. (Baña, Couce., Dúas, Laiosa, Nove2, Oroso2, Penela, Vixoán).

7265 **refriado** *s.m.* Enfermidade do gando vacún que provoca a caída do pelo das patas traseiras. Ver comentario a MELÓN /7256. O noso informante en Mondoñedo explica que é a caída total do pelo durante o inverno pero que volve a crecer na primavera. (Feás-A, Mondo2).

7266 **resfriado** *s.m.* Ver REFRIADO /7565. (PSeca).

7267 **reuma** *s.f.* A nosa fonte só di que se cura con *ajuarrás*, e non proporciona máis información da enfermidade. A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis datos, nunha epígrafe xenérica denominada "Outras enfermidades do gando". (Baíñas).

7268 **ronqueira** *s.f.* A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis explicacións, nunha epígrafe xenérica denominada "Outras enfermidades do gando". (Noalla, Verdu).

7269 **ronquiso** *s.m.* A nosa fonte define como "unha cousa que se atasca na jarjanta". (Noia).

7270 **sabañón 2** *s.m.* Enfermidade do vacún caracterizada por inchazón en diversas partes do corpo. (Mra., XER).

7271 **sanguina** *s.f.* Enfermidade do gando que puidera ser unha caquexia. A nosa fonte define como: "piel pegada a las costillas; se cura con masajes de vinagre y sal". (Fara).

7272 **tumor 1** *s.m.* A nosa fonte inclúe esta voz nunha epígrafe xenérica "outras enfermidades do gando". Tan só nos indica o tratamento, que non nos permite aproximar un diagnóstico: "Se lles poñen cataplasmas con malvas cocidas en ajua ou en leite". É posible que só estea a falar dunha inflamación, un traumatismo. (Culle).

7273 **uñatos** *s.m. pl.* A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis explicacións, nunha epígrafe xenérica titulada "Outras enfermidades do gando". (Carde., Rus).

7274 **urticaria** *s.f.* A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis explicacións, nunha epígrafe xenérica "outras enfermidades do gando". (Vala1).

7275 **vérrego 3** *s.m. Ú. m. en pl.* O noso informante defíneo simplemente como "ronchas na pel" e dáo como se fose algo diferente da hipodermose. Ver VÉRREGO 1 /7828. (LG).

7276 **verres** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRREGOS /7275. (LG).

7277 **vexighas 2** *s.f.pl.* A nosa fonte escribe *bexijas* e defíneo como "enfermedad que teñen os animais na que aparecen unhas manchas na piel, e ademais teñen moita calentura". (Noia).

7278 **vidrado** *s.m.* A nosa fonte describe como

"enfermedad que se dá nos ollos dos animais". (Noia).

7279 ***congestión** *s.f.* Conxestión. A nosa fonte inclúe esta voz nunha epígrafe xenérica "outras enfermidades do gando". (Laxosa, Sabu3).

7280 **mal de mousa** *s.comp.m.* A nosa fonte explícao como "andar a tombos, teñen un dolor moi grande pola espalda e non poden doblar a cabeza. Xeralmente andan como atontadas". (Noia).

7281 **mal de perna** *s.comp.m.* A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis explicacións, nunha epígrafe xenérica "outras enfermidades do gando". (Piñor).

7282 **nudo na gorxa** *s.comp.m.* Vulto na gorxa pola causa que sexa. (Cam1).

7283 **ídremo** *adx.* [Animal] inchado, falando de animais ou xente. (Piquín).

7284 **ídromo** *adx.* Ver ÍDREMO /7283. (Piquín).

7285 **pabina** *adx.* [Vaca] enferma do pulmón. Ben pode tratarse dunha vaca tuberculosa, enfermidade pulmonar por antonomasia ata hai pouco, pero cos datos que dan as nosas fontes non nos atrevemos a aventura-lo diagnóstico. (Caa., Cab.).

7286 **refughada** *adx.* A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis explicacións, nunha epígrafe xenérica titulada "outras enfermidades do gando". En Pre. temos rexistrado *refujado* co significado de becerro raquítico. (Verdía).

7287 **deitada de cote** *loc. adx.* A nosa fonte defíneo como: "Vacas que non teñen forza e están tumbadas todo o día, é como si tiveran os músculos dormidos". Podería tratarse dunha febre vitularia, que cursa con ese decúbito permanente que describe o informante, pero este non fai ningunha mención ó parto. (Noia).

7288 **tocada por dentro** *loc. adx.* [Vaca] que padece algunha enfermidade pulmonar. Voces semellantes que tamén temos recollidas son *vaca picada* (a enferma de tuberculose) ou *vaca agarrada ó pulmón* (enferma de glosopeda). Esta de agora, *tocada por dentro*, pode ser calquera cousa. (Damil).

7289 **adoecer** *v.* A nosa fonte define como "ter un mal de sempre, que non pasa co tempo; o animal soe morrer con el". (Noia).

7290 **arabiar** *v.* Contrae-la *áraba* (certo parasito) [o gando vacún]. Non temos dato algún que nos permita identificar nin o parasito nin a enfermidade. Aníbal Otero engade que *arabiar* tamén significa "Dañarse los árboles atacados por el brugo o pulgón", pero isto non nos achega información útil. (TapiaO).

7291 **faixearse** *v.* A nosa fonte define como "cuando les da mucho el sol y echan espuma por la boca". (Oroso2).

7292 **refriar** *v.* Ver REFRIADO /7265. (Negra.).

7293 **tremer** *v.* Contraerse os músculos superficiais. Os nosos informantes recollen esta voz como unha enfermidade do gando, pero sen dar dato ningún que nos axude a identificala. Debemos aclarar que pode tratarse dun síntoma dunha enfermidade febril pero, tamén, dunha contracción muscular involuntaria ou un calafrío que non se correspondan con ningún estado patolóxico. (Noalla, Verdu).

7294 **darlle un aire ó cocho** *loc. v.* Coller frío e enfermarlle o ubre [á vaca]. *Non botes a vaca que vai moito frío e pode darlle un aire ó cocho. Cocho* é unha das múltiples denominacións do ubre, que temos recollida de trece fontes, unha delas Antas3, polo que aquí podería estar designando unha mamite. (Antas4).

8.3. Patoloxía infecciosa

8.3.1. Brucelose

É unha enfermidade infecto-contaxiosa, de curso crónico, producida pola *Brucella melitensis* [64] e caracterizada por provocar abortos ou mortes prenatais entre os 5 e os 7 meses de xestación, artrite, afeccións mamarias, retención de secundinas e esterilidade consecuente. É transmisible ó home por contaxio directo ou a través do leite cru e os seus derivados (queixos frescos, requeixo etc.), representando unha das zoonoses máis estendidas e frecuentes no mundo (febre de Malta).

A loita contra a brucelose –e outras enfermidades infectocontaxiosas- no gando comeza a establecerse en Galicia a partir de 1965, pero é en 1986 cando se decreta a normativa na que se basean as actuais Campañas

64 Tradicionalmente, identificábase a especie causante da enfermidade no gando vacún como *Brucella abortus*, e a da brucelose humana como *B. melitensis*. Hoxe admítese que é unha única especie con numerosas biovariedades.

de Saneamento Gandeiro para erradica-la brucelose, a leucose e maila tuberculose, con probas diagnósticas inmunolóxicas a todo o gando e coa prohibición de calquera tratamento contra estas enfermidades e coa obriga, en cambio, de sacrificar tódolos animais que deron positivo nese control. A partir de 1990, Galicia foi declarada *Área de erradicación obrigatoria* respecto a estas enfermidades, e dende entón xa nin se intentan tratamentos ou inmunizacións, procedéndose sistematicamente ó sacrificio obrigatorio de tódolos animais que resulten positivos nas campañas de saneamento e inmobilización do resto dos animais da corte.

Co paso dos anos e sucesivas melloras na organización, as campañas sistemáticas de saneamento do gando bovino están comezando a da-los resultados esperados, cunha redución significativa nas cifras de positividade ante a brucelose [65] e a tuberculose, así como outras enfermidades bovinas (leucose enzoótica e peripneumonía) [66], ovinas e caprinas.

Os resultados do programa de erradicación na Comunidade autónoma galega, referidos ó ano 2004, son os seguintes:

Saneamento gandeiro 2004											
Positividade en explotacións											
		Tuberculose		Brucelose		Leucose		Peripneumonía		TOTAL	
Explotacións saneadas		nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
A Coruña	22.797	37	0,162	22	0,097	0	0,000	0	0,000	59	0,259
Lugo	20.886	182	0,871	40	0,192	0	0,000	0	0,000	222	1,063
Ourense	4.134	14	0,339	25	0,605	3	0,070	0	0,000	42	1,016
Pontevedra	9.772	33	0,338	11	0,113	0	0,000	0	0,000	44	0,450
GALICIA	**57.589**	**266**	**0,462**	**98**	**0,170**	**3**	**0,070**	**0**	**0,000**	**367**	**0,637**

Positividade en reses 2004											
		Tuberculose		Brucelose		Leucose		Peripneumonía		TOTAL	
Reses saneadas		nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
A Coruña	317.927	226	0,071	135	0,042	0	0,000	0	0,000	361	0,114
Lugo	384.115	719	0,187	123	0,032	0	0,000	0	0,000	842	0,219
Ourense	33.277	61	0,183	62	0,186	3	0,009	0	0,000	126	0,379
Pontevedra	89.043	98	0,110	17	0,019	0	0,000	0	0,000	115	0,129
GALICIA	**824.362**	**1.104**	**0,134**	**337**	**0,041**	**3**	**0,010**	**0**	**0,000**	**1.444**	**0,175**

▸ Fonte: *Consellería do Medio Rural, 2004*; páx. 144.

Como eco dunha antiga terapéutica máxica aínda recollemos en Ames (TapiaC) a crenza de que a brucelose curaba por medio de ofrendas ós santos ou ás almas. E, como ó cabo de dous ou tres abortos, as vacas deixaban de abortar por acadar unha autoinmunización, os campesiños crían que a curación, máis aparente que real, se debía ás súas ofrendas.

7295 **brocilosis** *s.f.* Brucelose. (Donís3).
7296 **brucelosis** *s.f.* Brucelose. (Baltar, TapiaC).
7297 **bruzoloses** *s.f.* Brucelose. (San.).

8.3.2. Carbuncho ou nacidas

Incluímos nesta epígrafe dous procesos patolóxicos diferentes en canto á súa etioloxía e a súa clínica: o carbuncho bacteridiano e o sintomático. Aínda sendo dúas doenzas diferentes, presentan unha sintomatoloxía moi parecida e isto provoca que os gandeiros, en moitos casos, lles dean un mesmo nome. Estas enfermidades,

[65] A positividade en Galicia foi descendendo progresivamente desde o 0,38% no 2001, o 0,30% no 2002, 0,26% no 2003, 0,17% no 2004 e 0,09% en 2005. Neste último ano, a prevalencia no conxunto nacional era do 1,25% (1,77% en 2001), con máximos do 5,76% en Estremadura e 3,35% en Castela-León. Baleares, Canarias, A Rioxa, Murcia e Navarra conseguiran xa unha prevalencia do 0% (datos tomados do Programa Nacional de Erradicación da Brucelose bovina 2007).

[66] Enfermidades estas practicamente inexistentes na nosa comunidade: na Campaña de Saneamento Gandeiro de 1998 só se rexistrou un caso dun animal positivo fronte á leucose (e 479 casos en toda España) e ningún fronte á peripneumonía (3 casos en España). No ano 2004, 3 animais positivos á leucose e ningún a peripneumonía.

potencialmente mortais, deron moitas variantes léxicas derivadas do nome que os gandeiros galegos lles oían utilizar ós veterinarios. Desbotada no VOLGa a forma castelá **carbunco*, moi abundante no uso, preferimos utiliza-la forma galega lexítima máis próxima (*carbuncho*), á par da moi popular *nacida*. No ano 2001 o carbuncho foi moi publicitado cando nos Estados Unidos se descubriu unha actividade bioterrorista consistente en mandar por correo postal esporas do *Bacillus anthracis* [67]: como nos países de fala inglesa a denominación da enfermidade é *anthrax,* os medios de comunicación galegos falaron tamén do *ántrax*, coma se fora unha enfermidade nova e distinta da que os gandeiros galegos xa coñecían.

A similitude de ámbalas dúas enfermidades, da que xa dá idea a propia denominación técnica *carbuncho bacteridiano* e *carbuncho sintomático*, e a falta de concreción de moitas das descricións que proporcionan as nosas fontes aconsellan trata-las dúas baixo unha mesma epígrafe, pero, en calquera caso, cando os síntomas permiten recoñece-la enfermidade claramente, facémo-lo diagnóstico. Igualmente, cando a fonte especifica unha ou outra, recollemos esa información que el nos dá.

O **carbuncho bacteridiano** é unha enfermidade aguda ou sobreaguda, case sempre mortal, producida polo *Bacillus anthracis*, bacteria que dá lugar a esporas resistentes durante anos ás condicións ambientais na terra, auga, peles etc., e que se contaxia por vía oral (a través de alimentos ou auga contaminados) ou por vía cutánea (a través das feridas manchadas coa terra). Caracterízase por edemas quentes e dolorosos, principalmente no pescozo, lombo e abdome, e o cese dos movementos da remoeira con forte meteorismo [68], así como hemorraxias polas aberturas naturais. A morte prodúcese subitamente con gran dispnea e convulsións.

As lesións características da enfermidade consisten en infiltración seroso-hemorráxica do tecido conxuntivo subcutáneo e infarto agudo do bazo (que aparece trala autopsia moi engrosado e coa pulpa branda ou pastosa e de cor vermella escura). De aí lle vén a denominación popular de *baceira* que recibe a enfermidade [69].

Moi grave no gando e contaxiosa ó home, producía hai tempo violentas epidemias humanas e animais [70], constituíndo entre nós unha das enfermidades epidémicas máis graves ata hai ben pouco. A forma cutánea humana denominábase *pústula maligna* [71] porque provocaba no punto da infección unha mancha vermella que axiña derivaba nunha vesícula ou gran carbunculoso. Esta vesícula, que chegaba a te-lo tamaño dunha noz, remataba por rebentar e secar superficialmente mentres a infección avanzaba en profundidade, rodeándose dunha areola vermella ou azulenta, con supuración, edema e intenso proído. A *pústula maligna* adoitaba ser mortal ó cabo dunha semana.

> *No terrible andazo da peste en 1514-1515, cando Sebastián [o Beato Sebastián de Aparicio] tería uns 12 anos, contrae as farxácolas. Eran "landres" malignas, que lle atrofiaban unha perna, producíndolle tal coxeira dolorosa que mesmo lle impedían seguir o oficio de pegureiro. Con arreglo á lei establecida, para non contaxiar ao resto da poboación, súa nai Teresa acorda levalo a un chozo afastado, na Senra. Alí visitábao todos os días para ver como evolucionaba da enfermidade e para levarlle algo de comer. Neste lugar, con posterioridade chamado A Parada, segundo nos conta a tradición, foi onde se produciu o milagre da curación do neno Sebastián, aquí, unha noite, foi visitado por unha loba que lle expaxotou o tumor maligno e lambeu a súa perna afectada polo mal. Á mañán seguinte, Teresa atopouno completamente curado [72].*

---

[67] Parece ser que os afectados foron fundamentalmente políticos de diferentes países, aínda que tamén empregados de correos, ó manipularen os sobres.

[68] Este síntoma, tan frecuente como evidente ó gandeiro, pode explica-la confusión etiolóxica coa estomatite e co meteorismo primario que podemos ver ó longo das explicacións que seguen, creándonos por veces moitas dúbidas.

[69] *Bacera*, *mal del bazo*, *fiebre esplénica*, *apoplejía esplénica*, en castelán; *Milzbrandfieber*, en alemán (de *Milz*, bazo, e *brand*, incendio, ardor ou, en termos médicos, gangrena); *Charbon bactéridien*, en francés; *Splenic fever*, en inglés.

[70] Algunha vez tense dito que a quinta praga de Exipto puido ser unha epidemia de carbuncho bacteridiano: [3] *A man de Iavé caerá con peso sobre o gando dos campos. Os cabalos, os xumentos, os camelos, as vacas e as ovellas sufrirán unha peste maligna.* [4] *Iavé distinguirá entre o gando dos israelitas e o gando dos exipcios. Aquel non perderá sequera unha cabeza* [...] [6] *E o Señor cumpriu a súa palabra ó día seguinte. Morreu o gando todo dos exipcios, pero dos israelitas non morreu sequera unha cabeza* (Éxodo 9,3-6). Parece pouco probable que unha epidemia puidese ser tan selectiva co gando duns e doutros pero os relatos bíblicos usan xéneros literarios e, polo tanto, baixo esta hipérbole o que se quería dicir é que Deus protexe os perseguidos (neste caso os xudeus).

[71] Outras denominacións que lle coñecemos son as de *secas*, *nacidas* e *farxácolas*, pero hai que sinalar que as descricións que temos poden acaer tamén cos abscesos ou bubóns da afamada *peste bubónica*.

[72] Raiaseca:27. Recolle tamén, nas páxinas 32-33, un *Canto do ramo*, do que quitamos estas estrofas: *Por una peste maligna/ te sacaron del poblado/ y te llevaron a un campo/ donde pastaba el ganado/ ... Vino una loba benigna/ ¡bendito quién la ha mandado/ a lamer esas tus llagas/ y al punto quedaste sano*.

Probablemente por ser tan frecuente e de prognóstico tan grave, o carbuncho xerou unha ampla lista de denominacións e de ensalmos preventivos, máis que tratamentos pretendidamente curativos. A rápida morte adoitaba se-lo desenlace, como recolleu a enquisa do ILG e que tamén pode verse noutras fontes:

Al fin acaban muriéndose	Car2
Acaba con las vacas enseguida	Cast.
Hinchan los animales y mueren. No le aplican nada	Figue1
Dolor al vientre, ataca a "paxarela". Es mortal	Lestón
Disen que non ten cura. Morren o momento	Lucí
Ataca a la sangre, muriendo rapidamente	Medín
Doenza virulenta, pegañenta e mortífera	Parade.
Enfermedad repentina y mortal	Oroso1
Es la más peligrosa	Parga
Incurable, generalmente	Sabu2
Cando o teñen, morren	Suevos
Pódeas pode matar redondas	Zolle
Acostumbra ser mortal	Sete-L
Contaxiosa e mortífera	San.
Ás 24 horas xa morren	Sisto
Para a nacida entripada non hai solución	Parade.
En su forma agudísima, y en menos de una hora, produce la muerte de las reses atacadas, y en su forma aguda las mata entre dos y tres horas	ERG:nacida
Enfermedad que ataca al ganado vacuno, consistente en un hinchazo, y de la que rara vez se salvan	VR7:110
Mortal si no se atienden con prontitud	JLPT1:163

O **carbuncho sintomático**, en cambio, é unha enfermidade aguda (pero menos cá anterior), non contaxiosa, producida polo *Clostridium chauvoei* que tamén se encontra habitualmente no chan. Caracterízase pola aparición de tumefaccións crepitantes baixo a pel, frías e indoloras, sobre todo nas zonas ricas en masas musculares, como as coxas, lombos, cruz etc. e rara vez noutras zonas do corpo. Xa falamos antes da similitude clínica co carbuncho bacteridiano: durante moitos anos consideráronse unha única enfermidade, ata que Bollinger as diferenciou en 1875, o que permite comprender que nas explicacións que dan os informantes e nas definicións que dan as fontes escritas consultadas, comprobemos unha evidente confusión -por outro lado normal- con aquel.

Xa vimos anteriormente como unha das vías de contaxio do carbuncho ou *nacida* eran as feridas que puidese sufrir un animal, contaminadas coas esporas presentes no chan. Sen dúbida, a esta forma de transmisión obedece as denominacións de *lobado* e *alobado* [73] que coñecemos, e que reflicten a crenza de que a causa da enfermidade é a trabada dun lobo, expresamente recoñecido na Gudiña: *o lobado (mal causado pola mordedura do lobo)* (Carr-G3). Cómpre deixar claro que non é certa esa suposta transmisión da enfermidade desde o lobo ó gando, pero si que pode acontecer que as feridas das trabadas rematen infectándose cos esporos do carbuncho presentes no pelo, na la ou na terra.

Na Gudiña [74] consideran que as reses mordidas polo lobo non se deben comer, porque este lles inoculou a enfermidade chamada *lobado*, e que pode transmitirse á persoa que come a carne das súas vítimas. Alí coidan que o lobo non cura as feridas lambéndoas como fai o can, porque ten o veleno na punta da lingua e morrería envelenado. Pero tamén coidan que o *lobado* do gando se cura dándolle a beber ó animal enfermo auga pasada pola traquea do lobo.

[73] Font Quer recolle como sinonimia do eléboro fétido (*Helleborus foetidus*) os nomes de *herba do gando*, *dos bois*, *do lobo*, *do porco* etc., en galego, así como *hierba del alobadado* e *hierba del alobado* en castelán, todos eles seguramente relacionados co que estamos a falar. A raíz desta herba utilízase para cura-lo carbuncho do gando, introducíndoa nun corte na pel da barbada. Engade que este uso medicinal *sin duda es antiquísimo, pues nuestro español Columela la describió en su tratado "De re rustica", en tiempo de Claudio emperador, y sin duda la aprendió en su misma patria, donde se conserva hasta el presente* (FQ:206-207).

[74] Gud7: 58, Raiaseca:106. Tamén o recolle VLQ:316.

Na Vila da Ponte e arredores van a Ormeche pedir a gola dun lobo que aínda hoxe existe alí, e pasan por ela a lavadura que lle van a dar aos porcos, para que os animais infectados non morran. Entre os paisanos non só a gola do lobo ten funcións profilácticas: a caveira do lobo, espetada nun pau ou posta nun lugar ben visible dun trobo, protexe ás abellas de posibles males [75].

Vicente Risco transmíteno-lo seguinte sobre o *lobado* [76]:

En la medicina –digamos mejor en la veterinaria –popular, encontramos también al lobo. Los animales padecen, a veces, una enfermedad llamada lobado. También hemos oído llamar lobado a unas postillas que tienen, a veces, los niños alrededor de la boca. Acerca del lobado se nos dice lo siguiente, con referencia a Carracedo, la Gudiña (Orense):

"Parece que a los perros no les hace daño relacionarse con los lobos, ni comer restos de lo que ellos dejen. Mas no sucede lo mismo con los cerdos y las vacas. Todas las mujeres tienen cuidado de que no roan los cerdos huesos en los que anduvieron los perros, ni coman ni beban (lo mismo las vacas) en los cacharros donde los perros hagan lo mismo, pues entonces puede atarcarlos el lobado. El único remedio que se conoce es pasar una poca agua por la garganta del lobo y hacérsela beber. A mí me ocurrió ver un caso de éstos, y por desesperación del cerdo, subía por las paredes y no tenía sosiego, parecía la rabia; las aguas pasadas por la garganta del lobo tampoco hicieron efecto, y el animal murió. A pesar de todo, personas merecedoras de crédito me aseguraron que habían visto casos en que los animales se salvaron" [77]

Nuestras preguntas acerca del lobado no obtuvieron respuesta alguna que se refiriese al lobo. Según ellas es una enfermedad que ataca al ganado vacuno, consistente en un hinchazo, y de la que rara vez se salvan.

Sin embargo, poseemos una referencia que dice: "Los dientes del lobo curan la enfermedad llamada lobado de los animales. Para aplicar este remedio, se le hace un círculo con el diente alrededor del hinchazo y se le pone una cruz en el medio, evitando en esta forma que muera el animal" [78]*. Si comparamos con el similia similibus –tan corriente en la medicina mágica- del agua pasada por la tráquea de un lobo, encontraremos inmediatamente la relación. En cuanto al contagio indirecto del lobado, por medio de los restos de comida y de los perros, nos encontramos en el mismo caso de lo que sucede con los coxos de diferentes animales que lo tienen –arañas, sapos, salamandras, topos, etc. –y que lo transmiten directamente, o por intermedio de los objetos con los que hayan estado en contacto: la ropa en el tendal, etc.*

En Portugal, no Barroso, din que a enfermidade lle vén ó gando do mato que traen do monte para estralas cortes [79], e de aí os nomes de *mal das serras, mal dos lobos* ou *mal dos bichos bravos*. Velaí outra vez a transmisión por feridas a través de esporas presentes na terra. Para evita-lo mal, no momento de descarga-lo mato, botan sal e cinza sobre el á vez que repiten por nove veces este ensalmo:

Lobado, vai-te daquí
Sal e cinza
vão atrás de ti. [80]

Unha das denominacións que temos recollidas para o carbuncho ou nacida é a de *traidora* (coas variantes *traidoras, treidora* e *tridora*). Esta denominación utilízase tamén en León, onde describen esta enfermidade como *una rabieta producida por un disgusto, mortal si no se atiende con prontitud* [81].

Nalgures cren que o produce a picadura dun mosquito e que é mortal se en breve tempo non se aplica un ferro candente no sitio da picadura (San.)

---

75 Raiaseca:107.

76 VR7:110-111.

77 Engade Risco esta observación de Laureano Prieto: *El auga que ha de beber el animal enfermo de 'lobado' ha de ser pasada por la tráquea de un lobo, arrancada del cuerpo de la fiera.*

78 Información de Doña María Claudia Rodicio Pérez, Parada del Sil (Ourense). Engade Risco que *Casi todas las personas a quienes hemos consultado, especialmente don Jesús Taboada, para la comarca de Verín, y el médico don José González Movilla, para las de Baños de Molgas y Maceda, coinciden en identificarlo con el carbunco o con una especie determinada del mismo.*

79 Efectivamente, o po que pode vir nas espiñas pode transporta-los esporos e infecta-lo gando.

80 Raiaseca:107. Toma esta información de A. Lourenço Fontes, en *Etnografia Transmontana*, vol. 1, p. 79, que a recolleu de Glória Carrelo, de Vilar de Perdizes.

81 JLPT1: 163, nun estudo sobre textos do Fr. Sobreira e citando a "M. Alonso, *Enciclopedia del idioma*". Debemos advertir que non podemos asegurar que a *traidora* leonesa sexa o carbuncho aínda que a evolución que propón Pensado fainos pensar que si: *mal do traidor, mal traidor,* que pasa a feminino e plural por influxo de 'enfermidade': *traiciós, traidoras* e a *traidora* leonesa.

Noutras partes atribúen a enfermidade a que a vaca *comeu a nacida*. En relación con esta última etioloxía, copiámo-lo seguinte de Lis Quibén:

> *Relas son una suerte de cantáridas o insectos verdes que, tragados por las vacas, las hacen hinchar y les producen la muerte si no les aplican el remedio, que consiste en enherbarlas con herba do gado: cortan la piel del pescuezo de la res cun fuso vello, meten dentro la hierba y la cosen por encima* [82].

Ben poderiamos clasificar esta enfermidade e tratamento dentro do apartado 8.5.11. *Meteorismo*, pola descrición que nos dan (*las hacen hinchar y les producen la muerte*), pero o tratamento que proporciona fainos pensar, máis ben, nun carbuncho, ben porque ese inchazo sexa realmente os edemas que provoca, ben porque o meteorismo é unha complicación frecuente nesta enfermidade.

Tampouco podemos ignorar unha posible confusión nosa entre a *nacida* como denominación popular do carbuncho e a *nacida* como denominación dalgún insecto, ra ou píntega que cause glosite e o meteorismo consecuente. A forma na que recollémo-las informacións non nos permite asegurar un diagnóstico.

7298 **alobado 2** *s.m.* Ver LOBADO /7328. En PSeca e en Alla2. designa o carbuncho bacteridiano. En Piñei2, Vrei. e Ribó designa o carbuncho sintomático. (Alla2, Piñei2, PSeca, Ribó, Vrei., Xun2).

7299 **asolada 2** *s.f.* Carbuncho sintomático. Tendo en conta que un dos nomes do carbuncho é *solda*, quédano-la dúbida de se esta voz non será un erro de *asolada* por *a solada* ou *a solda*. (Burgo).

7300 **baceira 2** *s.f.* ERG define como "bacera, enfermedad del brazo [sic] causada en el ganado vacuno por beber mucha agua". Clasificamos aquí esta voz por similitude coas denominacións castelás do carbuncho bacteridiano (*bacera* e *mal del bazo*), ó ser este un dos órganos no que se presentan as lesións patognomónicas. Pero Eladio Rodríguez, á marxe do erro claro de *brazo* por *bazo*, dinos que é "causada [...] por beber mucha agua", dando unha etioloxía que non se corresponde en absoluto co carbuncho (nin con ningunha outra enfermidade). Aínda así, lémbrese que en Asturias chaman *mal del bazu* ó meteorismo (LC), que si pode verse favorecido pola inxestión de auga, non por moita, senón por moi fría. Llópiz identifícaa co carbuncho bacteridiano. (ERG, VLLM).

7301 **cabrón** *s.m.* Carbuncho sintomático. (Razo).

7302 **cabrunco** *s.m.* Ver CARBUNCO /7312. Designa o carbuncho bacteridiano en Anca, Boi., Codeso., Cur., Frei., Oirán, Oroso2, Parga, Pedro., Vi-Val. Designa o carbuncho sintomático en Abadín, Calo, Fol-C, Lava., Oza, Poulo, Pre., Rendal, San. Designa os dous carbunchos en Caa., Car2, Conxo, Lago, Medín, Ortoño. Para Mondo1 designa o bacteridiano e para Mondo2 é o sintomático. Con todo isto queda patente, unha vez máis, que a distinción entre os dous tipos non está asentada na conciencia lingüística de moitos falantes. Os nosos informantes dan esta sintomatoloxía: "Se hinchan y se ponen amoratadas. Es la más peligrosa" (Parga); "Ataca a la sangre, muriendo rapidamente" (Medín); "Enfermidade contaxiosa e mortífera que adoita ataca-las vacas novas" (San.). A información que nos proporciona Anca é máis complicada. Textualmente di: "Cabrunco, postilla: motiva o cabrunco que es una mosca mala". Tampouco acabamos de entende-lo que nos di Nove.: "Enfermidade da vaca que se manifesta na pel con manchas negras". É certo que nos trae á cabeza outras denominacións da enfermidade como *negrón* ou *carbón*, pero nestes casos non mencionan ningunha mancha na pel e parécenos máis probable que aludan á cor escura, case negra, que presenta a carne e o sangue dos animais enfermos. (Abadín, Anca, Boi., Caa., Cab., Calo, Car2, Codeso., Com1, Conxo, Cur., Fol-C, Frei., Lago, Lava., Laxe, Medín, Mez., Mondo1, Mondo2, Nove., Oirán, Oroso2, Ortoño, Oza, Parga, Pedro., Poulo, Pre., Rendal, San., Vi-Val).

7303 **caburclo** *s.m.* Ver CARBUNCO /7312. (Razo).

7304 **carabrunco** *s.m.* Carbuncho sintomático. (Vcova).

7305 **carabuco** *s.m.* Carbuncho bacteridiano. (Com1, Lous.).

7306 **carabunco** *s.m.* Carbuncho bacteridiano. (Baltar, Com1, Cruído, Oroso1).

---

82 VLQ:315. A citada *herba do gado* é o *Helleborus foetidus*. ERG descríbea así: *Abrótega, elboro fétido, eleborostro, pie de grifo, pata de oso, haba de lobo, verdegambre; planta vivaz ranunculcea, cuya raiz es de sabor nauseabundo y amargo. Abunda en la región media y montañosa de Galicia y florece en verano; machacada y en contacto con la piel, ésta se inflama, y si se aplica en superficies despojadas de epidermis, va por los canales de absorción a ejercer su influjo en el estómago e intestinos, obrando como purgante si se administró en pequeñas cantidades, pues de otra manera puede producir efectos funestos. Las hojas verdes son irritantes y a los animales solo puede dársele en seco como alimento. Se usa mucho en albeitería para sedales*. Xa tivemos ocasión de ver anteriormente como esta planta se utiliza na terapéutica doutras enfermidades. Nótese que, a pesar da sinonimia que proporciona ERG, o nome de *abrótega* utilízase comunmente en Galicia para designar outra planta, *Asphodelus albus*, que non ten nada que ver con esta.

7307 **carafuncho 3** *s.m.* Carbuncho. (JMP).

7308 **carbón** *s.m.* Carbuncho bacteridiano. (Sofán).

7309 **carbrunco** *s.m.* Ver CARBUNCO /7312. Designa o carbuncho bacteridiano en Vviño. e Poulo, e o sintomático en Laiosa, Meir2 e Parga. (Laiosa, Meira2, Parga, Poulo, Vviño).

7310 **carbuco** *s.m.* Ver CARBUNCO /7312. Os dous informantes dan esta forma para designa-las dúas formas de carbuncho. (Baña2, Cervá1).

7311 **carbunclo** *s.m.* Carbuncho sintomático. (Culle., Troán1).

7312 **carbunco** *s.m.* Carbuncho bacteridiano ou sintomático. Designa o carbuncho bacteridiano en Baíñas, Cam4, Carb3, Corre., Figue1, Grixoa, Lagar., Lendo., Negr2, Noal, Noice., PSil, Rus, Sofán, VFrore., Vnova2, Vxoán. Designa o carbuncho sintomático en Arzón, Bidu., Cabal., Carde., Casal., Cerd2, Chan., Cubi2, Eixo, Fuxás, Negral, Oroso1, SComba, Somo1, TapiaC, Vala1. Designa os dous en Cervá2, Lañas, Morai., Nive., Rib-S e Suevos. E, finalmente, só nos dan a voz, *carbunco*, sen máis explicacións, en Burón, Ced., Com1, Cre., Dum., Feás-A, Ped1, Sete-L e Zolle. En Ancares2 atopamos unha descrición que non deixa de sorprender: "*O carbunco*, *carbunclo* o *mal bravo*, especie de herpes contagiado por una vaca o ternero y que es también el *carbuncu* o *caimúa* de Sisterna y el *empisna* [sic] de Villacidayo" (Ancares2:109). Non tomamos en consideración a información erroneamente recollida ou transcrita en Damil: "Espullas que lles saen ás vacas no ubre e no ventre"; nin a de Lousame (Lous.), que identifica o carbunco coa glosopeda. Normalmente, o carbuncho bacteridiano, máis común, desígnase simplemente como *carbunco*, pero, como xa explicamos, a diferenciación non é sinxela e moito menos a partir das explicacións, tantas veces incompletas, que recollen os colectores -leigos na materia- dos gandeiros, que tampouco acertan a concretar realidades patolóxicas coma estas. (Común).

7313 **carbúnculo** *s.m.* Ver CARBUNCO /7312. (XER).

7314 **carbuncho** *s.m.* Enfermidade grave no gando vacún (e do porcino e ovino), transmisible ó home, que provoca hemorraxias, tumefaccións musculares e que, por ser aguda, pode provoca-la morte. (Ancares2, Troán1, XER).

7315 **carbure** *s.m.* Carbuncho bacteridiano. En Couce. tamén designa o sintomático. (Bas., Couce).

7316 **carpuco** *s.m.* Carbuncho bacteridiano. (Bolo).

7317 **clarunco** *s.m.* Ver CARBUNCO /7312. (Com1).

7318 **corbuco** *s.m.* Carbuncho bacteridiano. (Peno.).

7319 **crabunco** *s.m.* Carbuncho bacteridiano. Designa o bacteridiano en Abe. e Agro. Designa o sintomático en Alla2, Carbal., Figue2, Leir-A, Macei., Piñor, Ribad. e Vmaior. Designa os dous en Aranga, Arca, Com1, Fri., Gaxate e Verdu. (Abe., Agro., Alla2, Aranga, Arca, Carbal., Com1, Figue2, Fri., Gaxate, Leir-A, Macei., Piñor, Ribad., Verdu., Vilaf., Vmaior).

7320 **crobunco** *s.m.* Carbuncho bacteridiano. O noso informante en Lucí dá *crobunco* como nome do carbuncho sintomático, mentres que emprega o de *nasida* para o bacteridiano. A pesar diso, no texto que temos deste informante (escrito a máquina), ampliando o cuestionario, describe o *crobunco* como unha "Enfermedá repentina; morren o momento", o que se corresponde mellor co carbuncho bacteridiano, polo que así o clasificamos. Máis problemática é a clasificación da *nasida*, descrita como "una cousa como un bicho que ye pica da baixo da lengua e ya non ten cura". Por similitude con outras informacións clasificámola como glosite. (Lucí).

7321 **érrago 2** *s.m.* Carbuncho sintomático. Gud. escribe *hérrago*. Carr-G escribe *ERRAGO* pero o colector da información non adoita usa-los tiles, co que non podemos asegurar que a palabra sexa paroxítona. (Carr-G, Gud.).

7322 **espincha 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Carbuncho bacteridiano. (Caban).

7323 **estomoxos** *s.m. Ú. m. en pl.* O noso informante defíneos como "moscas do carbúnculo". Ata onde nós sabemos non hai ningunha mosca que interveña especificamente nesta enfermidade. (LG).

7324 **ghopea** *s.f.* Carbuncho sintomático. A nosa fonte escribe *jopea*. (Viso1, Viso2).

7325 **gripazo** *s.m.* Carbuncho sintomático. (Fózara).

7326 **lobádega** *s.f.* Ver LOBADO /7328. Eladio Rodríguez defíneo como: "Especie de tumor carbuncoso, que suele salir a los cerdos en la garganta. También se presenta en el ganado vacuno y caballar, sin limitarse a la garganta". (ERG).

7327 **lobádigo** *s.m.* Ver LOBADO /7328. (Parade.).

7328 **lobado** *s.m.* Carbuncho. Designa o carbuncho bacteridiano en Baltar, Cal., Fol-LE, Incio, Rama.; e o sintomático en PSil, Ribó e Vixoán. A nosa fonte en Baltar escribe *losado*, que corriximos como probable erro. O noso informante en Caritel (Ctel1) descríbeo como "inchazo do lombo do animal como consecuencia do carbuncho sintomático". Lémbrese que Font Quer recolle entre a sinonimia castelá da herba do gando (*Helleborus foetidus*), que se utiliza na terapéutica popular contra esta enfermidade, os nomes de *hierba del alobadado* e *hierba*

del alobado (FQ:206). Na Gudiña parecen utilizalo principalmente para a enfermidade nas ovellas. Laureano Prieto (Gud7) xunto co noso informante de Paradela atribúen o *lobado* á trabada dun lobo que llelo transmite: *Por muchos es considerado venenoso* [o lobo]. *Las reses mordidas por él no deben comerse, pues les ha inoculado una enfermedad llamada 'lobado', de la que difícilmente salvan, que puede sere* [sic] *transmitida a las personas que cinsumen* [sic] *sus víctimas.* [...] *El 'lobado' se cura dando a beber al animal enfermo agua pasada por la tráquea de un lobo* (Gud7:58). O DRAE dáno-la seguinte definición do *lobado*: "(del lat. **lupatus*, de *lupus*, lobo) Tumor carbuncoso que padecen las caballerías en los encuentros, y el ganado vacuno, lanar y cabrío en el mismo sitio y en la papada". (Baltar, Cal., Ctel1, Fol-LE, Gud5, Gud7, Incio, Parade., PSil, Raiaseca, Rama., Ribó, Tras., Vixoán., VLQ).

7329 **lobazo** *s.m.* Ver LOBADO /7328. *O 'lobazo' ou a doenza do gando vacun coñecido por 'lobádigo' ou 'lobado', orixinado pola mordedela ou contacto co lobo* (Parade.:280). Cómpre sinalar que o informante de Paradela recolle o *lobazo* e maila *nacida* (ou carbuncho) como dúas patoloxías diferentes. Tamén Prado Lameiro, que era veterinario, fai esta diferenza: *-E entón, ¿que pasa, Marica? / -Que teño un becerro malo /* [...] */ -¿E donde está? -No curral. / -Pois ímolo ver. O caso / é que che non sea a 'nacida' / ou que non teña o 'lobado'; / dos outros males aínda, / mal que ben, váise librando* (PL12:55). (Dis., Laiosa, Pantón, Parade.).

7330 **lobeira** *s.f.* Carbuncho sintomático. (Noalla).

7331 **lobicán** *s.m.* Carbuncho sintomático. (Carño2).

7332 **lolo 2** *s.m.* Carbuncho sintomático. (Veste).

7333 **lubado** *s.m.* Carbuncho sintomático. (Meira2, Vxoán).

7334 **lubicán** *s.m.* Carbuncho bacteridiano (en Goián) ou sintomático (en Caban. e Negr2). (Caban., Goián, Negr2).

7335 **lumbricán** *s.m.* Carbuncho sintomático. (Arzón).

7336 **morrallón** *s.m.* Carbuncho bacteridiano (Vala.) ou sintomático (Fre). (Fre., Vala).

7337 **nacida 1** *s.f. Ú. t. en pl.* Carbuncho. Designa o carbuncho sintomático en Cerd2, Damil, Pravio, Sabu2 e Vill-O. Designa o bacteridiano nas localizacións quitadas do *Glosario de voces galegas de hoxe* e mais en 79 lugares (entre eles Damil, Pravio, Sabu2 e Vill-O); tamén temos *nasida* con este significado en 5 lugares e como sintomático nun só (Conxo, que tamén está incluído neses 5). Gro1, que dá as formas *nacida* e *nasida*, só o define como "grano, tumor". Así pois, parece obvio identifica-la *nacida* como carbuncho bacteridiano, por máis que non sempre a información de que dispoñemos permita establecelo claramente. En Parga e Sabu2 é claramente o bacteridiano; tamén en Culle. parece selo ("Empeza por as pernas, hínchanse e cando se lle ve subir hai que queimar a carne con un ferro candente"); en Damil é "pulmonía aguda", o que malamente pode identificarse como carbunco. En Sisto -onde o recollen en plural, *as nacidas*- din que "é po la causa das picaduras dunha mosca e curase queimandose o sitio cun ferro quente pro as 24 horas xa morren". En Tabor a *nacida* é un escaravello negro que produce a inchazón das vacas, o que nós consideramos como meteorismo (e por tal razón vai clasificado noutro sitio). En calquera caso, cómpre recordar que o carbunco pode producir un meteorismo secundario. Eladio Rodríguez descríbea claramente como carbuncho bacteridiano: "En Galicia suele presentarse la *nacida* con caracteres de epidemia o indirectamente al hombre. En su forma agudísima, y en menos de una hora produce la muerte de las reses atacadas, y en su forma aguda las mata entre dos y tres horas. En los caballos, bueyes y cerdos produce súbitamente graves fenómenos morbosos generales, que tardan de uno a siete días en causar la muerte cuando los tumores se presentan en la piel y en las mucosas de la boca o de la garganta, siendo causa de deyecciones sanguinolentas que propagan la *nacida*". Engade a continuación o dato histórico da aparición desta enfermidade en Santiago: "La enfermedad ataca también a las personas, a veces con carácter grave y efectos de verdadera epidemia, como ocurrió en pasados tiempos, causando gran número de víctimas, tanto que el Ayuntamiento compostelano se creyó obligado a adoptar severas medidas disponiendo que en las calles y *á bocanoite*, se quemasen ramos de laurel y romero para 'esparcir los aires malos', se refrescasen las calles dos veces al día, se evitasen en ellas los puercos y se mandase buscar triaca que no la había en las boticas. La enfermedad sembró tal pánico que los santiagueses pudientes abandonaron la población, el Concejo no pudo celebrar sus sesiones por ausencia de casi todos sus miembros, y solo quedó en la ciudad la 'gente común', la cual, a pesar del temor que dominaba a todos, tomó la epidemia a broma burlándose de los atacados y llamando en chunga *farxácola* a la *nacida* ". Na entrada *farxácolas* explica o seguinte: "Nombre que

se dió en Santiago en el siglo XVI a una enfermedad pestífera, llamada también *secas* y *nascidas*. [...] Fue necesario además que la Justicia ordinaria prohibiese por medio de pregón público el empleo de la palabra *farxácolas*, aplicada por el vulgo a dicha plaga en tono de chunga, disponiendo que a los que la usasen se les diesen doscientos azotes y se les desterrase de la ciudad por cuatro años". Non sabemos se cando Eladio Rodríguez escribe *nascidas* está a darnos un sinónimo de *nacidas* ou se se trata dun erro mecanográfico. En calquera caso, a voz *nascidas* non aparece como entrada no seu dicionario. Algunha das nosas fontes (Agola., Neda, Sisto) recólleno en plural. Constantino García afirma que a forma *nacidas* ("*Dúas vacas morreron de nacidas")* é máis común cá forma en singular, *nacida*, o que en absoluto se corresponde cos nosos datos. Engade que, segundo algunhas lendas populares, estan *nacidas* "veñen de certos vermes que comen os animais" (CGG2: *Morreu de nacidas*, 352). (Común. ILG:79 (C:24, LU:29, OU:11, PO:14, GExt.:1)).

7338 **nasida 1** *s.f.* Carbuncho bacteridiano. O noso informante de Figue1 identifica *nasida* con carbuncho e descríbeo de forma que nós a identificamos co bacteridiano ("A nasida ou carbunco: hinchan los animales y mueren, no le aplican nada... Los animales muertos de carbunco los queman"). En Conxo designa tamén o sintomático. O informante de Lucí tamén recolle esta voz, *nasida*, pero alí é *una cousa como un bicho que ye pica da baixo da lengua e ya non ten cura*. Pode ser unha etioloxía fantástica do carbuncho pero, por similitude con outras informacións, clasificámolo como glosite (Ver NASIDA 2 /8147). (Buga-N, Cang2, Conxo, Figue1).

7339 **negrón** *s.m.* Carbuncho. Os informantes din que cursa con vultos nas pernas que inchan e que pode ser mortal. O noso informante de VFrore. coloca o *negrón* nunha lista de enfermidades, na que tamén cita o carbuncho: "O gripo, o carbunco, a polmoeira, a tuberculose, o negrón...", o que fai pensar que se tratan de dúas enfermidades diferentes (unha, o *carbunco*, e outra, o *negrón*). Engade, para o *negrón*, a seguinte explicación: *Saínlle uns bultos nas pernas, inchanlle e poden morrer*, que identificamos como probables síntomas do carbunco (lémbrese que outro dos nomes desta enfermidade é o de *perneira*, pola localización das lesións patognomónicas). Pero, en Carño2, onde só recollen *negrón* e non mencionan o *carbunco*, dannos esta sintomatoloxía: "le empiezan a salir unos bultos en las piernas, siguen inchando [sic] y se mueren". (Carño2, VFrore.).

7340 **papeira 4** *s.f.* Carbuncho sintomático. (Cang2, Neves2, Sabu3).

7341 **perneira** *s.f.* Carbuncho sintomático. Recibe este nome polas tumefaccións características que aparecen nas coxas. Eladio Rodríguez só di: "Enfermedad de la raza bovina", sen máis explicacións. Deducimos que se trata do carbuncho sintomático pola sinonimia da enfermidade en castelán: *pernera*. (ERG).

7342 **peste 2** *s.f.* Carbuncho sintomático. (Negra., Vxoán).

7343 **sapego** *s.m.* Carbuncho. (Xudán1).

7344 **soio** *s.m.* Ver SOLLO 1 /7346. (Piquín).

7345 **solda** *s.f.* Carbuncho sintomático. En Baltar, Buga-N., Burón, Cast., Ces., Crendes, Incio, Lagar., Oirán, Pade., Ribe1, Sisto, Suarna, Tab3, VFrore. e Xeve designa o carbuncho sintomático. En Arroxo tamén significa carbuncho bacteridiano. Luís Giadás recolle *solda* cunha descrición que só nos produce dúbidas: *Estoico mamífero [naturalmente, a vaca], mordido pola friaxe, que lle produce a 'solda', enfermidade na que 'sulla' ou forma bochas líquidas entre a pel e as costelas* (LG:10.05.1998). Nin *a friaxe* intervén como causa desta enfermidade nin se poden describir como *bochas líquidas* os edemas subcutáneos característicos. (Arroxo, Baltar, Buga-N, Burón, Cast., Ces., Crendes, Incio, Lagar., LG, Oirán, Pade., Ribe1, Sisto, Suarna, Tab1, VFrore, Xeve).

7346 **sollo 1** *s.m.* Carbuncho. Incluímos como informante a Martín2 por similitude coas outras fontes, aínda que a súa descrición só permite identificar parcialmente o *sollo* cun carbuncho: "Dolencia que puede sobrevenir al ganado, especialmente lanar, o a las personas, a consecuencia de una herida, dentellada o pedrada". (Cunt2, Fumi, Martín2, Peroxa, Piquín, Sisán).

7347 **son** *s.m.* Carbuncho sintomático. (Gui.).

7348 **teo** *s.m.* Carbuncho sintomático. Consignamos con reservas esta información, dado que o teo é máis coñecido como unha enfermidade parasitaria das ovellas, que ataca o cerebro e fainas andar arredor de si ata que caen ó chan. (Valad1).

7349 **traidora** *s.f. Ú. t. en pl.* Enfermidade da vaca que se pode identificar co carbuncho bacteridiano. En plural recólleno Lestón, Poulo, San. e Vviño. Designa o carbuncho bacteridiano en Cast., Eixo., Negr2, TapiaC e Valen. Designa o sintomático en Sofán e Grixoa. Non especifican un ou outro en Com1, Razo e Sob.,

pero Razo parece aludir nas súas descricións ó bacteridiano. Explica o noso informante de Razo que á *fiebre traidora* "comunmente le llaman *la Traidora*. Se le conoce cuando al apretar la piel con las manos en vez de extenderse queda unida como si estuviese presa por algo. Cuando es así se les pasa un hierro o una teja caliente". Máis descritiva é a explicación que dan en Lestón: "*As traidoras*: dolor al vientre, ataca a *paxarela* (bazo), es mortal. Después de muerto el animal, se puede saber si murió a causa *da traidora* o *do mal do carburo*: en el 1º caso el animal tiene el vientre podrido; en el 2º, al sacarle el cuero, éste sale ensangrentado". A explicación corresponde co carbuncho bacteridiano do que un dos síntomas principais é a presenza de infiltracións hemorráxicas subcutáneas e mesmo hemorraxias espontáneas polas aberturas naturais. (Cast., Com1, Eixo, Grixoa, Lestón, Negr2, Poulo, Razo, San., Sob., Sofán, TapiaC, Valen., Vviño).

7350 **tridora** *s.f.* Ver TRAIDORA /7349. A nosa fonte defíneo como carbuncho sintomático. Non excluímos que sexa erro de trascrición por *traidora*. (Carde).

7351 **visigha** *s.f.* Carbuncho bacteridiano. A nosa fonte escribe *vixija*. Na mesma localidade, ó carbuncho sintomático chámano *vixija das vacas*. (Lampón).

7352 **vulto 4** *s.m.* Carbuncho bacteridiano. A nosa fonte escribe *bulto*. ¿Non estaría, simplemente, describindo un síntoma da enfermidade? (Baltar, Buga-N).

7353 **xoio 2** *s.m.* Ver SOLLO 1 /7346. A. Otero, con todo, afirma que é enfermidade producida pola mordida do lobo á res lanar. Ve-lo comentario a LOBADO /7328. (Piquín).

7354 ***papillo 2** *s.m.* Carbuncho sintomático. (Morga).

7355 ***postilla** *s.f.* Carbuncho sintomático. En plural recólleo Lago. Anca explica que "es una mosca mala" que motiva o carbuncho. Os nosos informantes en Baíñas e Anca escriben: *da postilla*. ¿Será *mal da postilla*? (Anca, Baíñas, Estr3, Lago, Meir., Vi-Val).

7356 **carpuco ruín** *s.comp.m.* Ver CORBUCO RUÍN /7357. Bolo di simplemente *ruín* pero supoñemos que é *(carpuco) ruín*. Xustificamos esta suposición en que vimos observando que das 80 voces achegadas por Peno. e das 79 achegadas por Bolo (independentemente das moi comúns que aparecen baixo a sigla globalizadora ILG) 62 delas son comúns ós dous lugares, aínda que as colectoras da información foron no seu día dúas investigadoras diferentes, o que revela unha certa proximidade léxica entre estes dous lugares que teñen unha relativa proximidade xeográfica. Ó carbuncho bacteridiano Peno. chámalle *corbuco* e Bolo. chámalle *carpuco*. Como ó carbuncho sintomático Peno. chámalle *corbuco ruín*, supoñemos que Bolo debe chamarlle *carpuco ruín* fundándonos nesa proximidade léxica que vimos constatando, aínda que, como dixemos, anota simplemente o adx. *ruín*. (Bolo).

7357 **corbuco ruín** *s.comp.m.* Carbuncho sintomático. (Peno.).

7358 **glosina contagiosa** *s.comp.f.* Carbuncho sintomático. (Callo).

7359 **mal bravo** *s.comp.m.* Carbuncho bacteridiano. (Ancares2, Nove2).

7360 **mal da nacida** *s.comp.m.* Carbuncho. *Na redonda non había outro que entendese tan ben coma el o mal da nacida*. (JRL2).

7361 **mal do carburo** *s.comp.m.* Carbuncho, probablemente sintomático. Ver nota a TRAIDORA /7349. (Lestón).

7362 **mal rin** *s.comp.m.* Carbuncho. (Ancares2).

7363 **mal roxo 1** *s.comp.m.* Carbuncho bacteridiano (Cur1) ou sintomático (PSeca e Consta.). Ve-lo comentario a MAL ROXO 2 /7428 no apartado 8.3.5. *Glosopeda*. Ademais, en Morga. designa a febre aftosa. Lañas tamén recolle esta denominación dentro dunha lista doutras enfermidades do gando pero sen ofrecer ningún dato descritivo. (Consta., Cur1, PSeca).

7364 **nacida entripada** *s.comp.f.* O informante non a diferencia da *nacida común* e só di que *para a 'nacida entripada' din que non hai salvación*". (Parade.:280).

7365 **nacida sintomática** *s.comp.f.* Carbuncho sintomático. (Rábade).

7366 **traidora aghuda** *s.comp.f.* Carbuncho sintomático. A nosa fonte escribe *traidora ajuda*. (Cer.).

7367 **treidora mansa** *s.comp.f.* Carbuncho bacteridiano. No caderno do ILG que recolle tódalas respostas para o carbuncho bacteridiano lese claramente *treidora mansa*. No caderno seguinte, que recolle as respostas para o carbuncho sintomático, e tamén localizado en Cer., lese *traidora ajuda*. Parece probable que esta *treidora* sexa un erro. (Cer.).

7368 ***fiebre traidora** *s.comp.f.* Ver TRAIDORA /7349. (Razo).

7369 **esgagarrizada** *adx.* [Vaca] enferma de carbuncho sintomático. (Antas3).

7370 **picada do carbón** *loc. adx.* [Vaca] enferma de carbuncho. Lémbrese que en Francia chaman a esta enfermidade *charbon* e *fièvre charboneuse*. (Sofán).

7371 **empecharse** *v.* A nosa fonte defíneo como carbuncho bacteridiano. Ver TER UN EMPACHE /8235

na epígrafe 8.5.11. *Meteorismo*. O carbuncho bacteridiano provoca inchazón das vísceras e meteorismo secundario, e quizais por iso unha persoa non moi experta poida confundilo cunha indixestión ou empacho. O prognóstico de ámbalas enfermidades é moi diferente. (Tab1).

7372 **encachina-la cabeza** *loc. v.* O informante non o explica, pero escribe: *o becerro encachina moito a cabeza, debe ir o cabunco con il*. (Parade.:280).

7373 **quedar entangoada do pescozo** *loc. v.* O informante non o explica: *As vacas que colleron dita doenza* [o carbuncho] *quedan entangoadas do pescozo*. (Parade.).

7374 **te-la nacenza** *loc. v.* Sufri-lo carbuncho bacteridiano. Non sabemos se *nacenza* se pode considerar sinónimo de *nacida*, que non dá ningunha outra fonte, ou é un erro. (Rus).

7375 **te-las nacidas** *loc. v.* Estar [un animal] enfermo de carbuncho bacteridiano. (Común).

Cando ó corpo lle engorda a baceira, cousa boa non lle espera. (VLLM:2,453) [83]

8.3.2.1. Tratamentos

Como vimos, non parece frecuente instaurar tratamento ningún contra estas doenzas. O carbuncho adoita produci-la morte do animal enfermo nun período de 12-30 horas desde os primeiros síntomas. Un veterinario clínico de Baltar (Ourense) vía nisto a xustificación dos tratamentos aplicados polos menciñeiros daquela zona a base de profundas incisións e cauterización da ferida cun ferro: cando o gandeiro chamaba ó menciñeiro este prognosticaba unha morte probable ó día seguinte, pero aínda así iniciaba o seu tratamento. Se ó outro día o animal morría, o gandeiro estaba avisado; se sobrevivía era grazas ás boas mañas do menciñeiro.

En calquera caso, nós temos recollidos os seguintes tratamentos: en Bascuas danlle fregas á vaca cunha corda por baixo da barriga (Bas.), quizais pola similitude co inchazo que se produce nos meteorismos, nos que este mesmo tratamento é habitual e eficaz; en Culleredo (Culle.), Razo e Incio (Vixoan), cauterizan as zonas inflamadas cun ferro candente ou unha tella ben quente. Na Gudiña desinfectan as feridas con *aceite roxo*, a ferver (Carr-G3); Aníbal Otero cita o uso de aceite rustrido con allo (AO2).

En Paradela, para *couta-lo lobazo, dáselle unha lancetada por diante do inchazo para que por ela saia o mal que teña* (Parade.:280).

Na Limia fanlle unha sangradura na vea sublingual, complementada cun corte nas orellas (Lim6 [84]). Tamén en Simes recorren a un corte profundo na base da lingua.

Aníbal Otero [85], que recolle a enfermidade co nome de *sollo*, descríbea así:

> *Dolencia que puede sobrevenir al ganado, especialmente lanar, o a las personas, a consecuencia de una herida, dentellada o pedrada. Murias. En Villar de Mouros, para evitar que una herida críe sollo, se le echa aceite rustrido con ajo, y para quitárselo al ganado que lo ha contraído, es creencia vulgar que se tiene que decir nueve veces, sin equivocarse, al mismo tiempo que se hace la señal de la cruz sobre el cuerpo del animal, la siguiente fórmula: sácoche o sollo (primer trazo de la cruz) e métoche o folgo (segundo trazo de la cruz). Hinchazón producida por una mordedura infecta, en Carballas, Taboada. DEL LAT. SOLEA.*

Lis Quibén recolle en Agolada (Pontevedra) o seguinte ensalmo para cura-las *nacidas* das vacas, que se ha recitar tres veces ó día e durante unha semana, á vez que pasan unha corda desde a cabeza ata o rabo (VLQ:314 [86]):

Tente, Nacida, en ti
como Jesucristo se tuvo en si [87]*,*
tente, Nacida, no teu lugar
como Jesucristo se tuvo no seu altar,
tente, Nacida, na tua vena
como Jesucristo na sua cena.
Se é blanca que se funda,
se é negra que se derreta,
como a sal na agua fría.

---

[83] Llópiz: *ll'engorda*, *ll'espera*, *bóa*. Explica que as enfermidades do bazo se caracterizan por dúas formas principais de carbuncose, contaxiada da *baceira* do gando e que se degrada en pústula maligna ou ben en hipocondría, sg. o Dr. J. Cabo de Ferrol.

[84] Gado empezoñado (ou que *ten a ranilla*): *picarlle debaixo da lingua, na trabaxe, e unha vea nas orellas, zorregándolle nelas despóis cun caxato* (Lim6:704).

[85] AO2:sollo.

[86] Tamén recolle outras dúas fórmulas semellantes, esta vez utilizadas para cura-las nacidas da xente, unha no mesmo concello e outra en Touro, A Coruña (VLQ:285).

[87] No texto: *Tente Nacida en tí... Tente Nacida en sí*.

E dunha curandeira de Paradela recollémo-lo seguinte ensalmo para couta-la *nacida* e a *sulengua* [88]:

Estando Xoán, Pedro e Andrés
xunto dunha fonte pedrés
chegou o Señor e dixo-lles:
- Que faceis ahí todos tres?
- Nos aquí estamos cobertos
de nacida e sulengua.
- Pois facede-lle tres cruces
e serán limpas dicindo:
Se es nacida, Dios te parta,
se es sulengua, Dios te fenda,
se es branca, Dios te parta,
se es ruiba, Dios te destruia,
e se es negra, Dios te fenda.
Polo poder de Dios
e da Virxen María
un Padre Noso
e unha Ave María.

Semellantes son as oracións que recollemos por terras de Melide (Mel2:457) para talla-las nacidas, tamén chamadas alí *traiciós*. O remedio consiste en rezala facendo de cada vez unha cruz e, se hai inchazo, a primeira cruz faise sobre este:

Maldígala San Pedro +
Maldígala San Juan +
Maldígala San Cosme +
Maldígala San Damián +
Maldígala San Lázaro +
Maldígala San Ciprián +
Maldígala Nuestra Señora +
y la Corte Celestial +
Si son negras - Diol-as fenda,
si son blancas - Diol-as parta,
si son negras - Diol-as disminuya
com'o sal en agua fría.

Outra fórmula é a seguinte:

San Juan, san Ciprián, san Damián,
todos tres por un camiño van,
van decir, bendecir – traición, nacida, boubín,
lixo coral, lixo cobral – lixo cabrín e lixo entripado
cantos males ten iste animal
Si son brancas – Diol-as parta,
Si son negras – Diol-as fenda.
Tente nacida en tí – como Cristo se tivo en sí.
Pol a gracia de Dios e de Santa María,
un padrenuestro y un avemaría,
ô santo ou santa d'iste día.

En Sabucedo de Montes (Sabu2) admiten que *si la tratan a tiempo, le ponen antibióticos*.

7376 **herbadura** *s.f.* Acción ou efecto de herbar como tratamento contra o carbuncho. (Piquín).

7377 **enherbar** *v.* Ver HERBAR 1 /7378. O noso informante de Raiaseca aplícao concretamente ó gando lanar: *Cando unha ovella é picada ou mordida pola 'rela', hai que sacarlle o sangue infectado, picándoa na lingua. Outro remedio eficaz é 'enherbando' o gando coa 'herba do gado', cortándolle a pel do pescozo, logo meténdolle a herba dentro, despois cósese o cerne* (Raiaseca:141). (CP, Piquín, Raiaseca).

7378 **herbar 1** *v.* Aplica-la *herba de herbar* -ou *herba do gando*- [a unha res enferma] en medio dunha cisura que se lle fai na pel. Ver nota a HERBAR 1 /9889 no capítulo que dedicamos ás *Accións do menciñeiro relacionadas coas enfermidades* (CP, Piquín, Raiaseca).


7379 **coutar o lobazo** *loc. v.* Trata-lo carbuncho dándolle "unha lancetada por diante do inchazo para que por ela salia o mal que teña". (Parade.).

8.3.3. Dermatomicose

É unha enfermidade producida por fungos, case exclusivamente *Trichophyton verrucosum*, que se localizan na pel e no pelo dos animais, sobre todo nos becerros. Tamén se denomina tricofitose ou herpe decalvante e cos nomes vulgares de tiña ou *rosas*.

[88] Parade.:280. Nótese que no ensalmo se consideran dúas entidades distintas: *Nos aquí estamos cobertos/ de nacida e sulengua*.

Caracterízase pola aparición dunhas pencas redondas, brancogrisáceas e costrosas, nas que cae o pelo, localizándose primeiramente na cabeza, desde onde se estende ó dorso e ó resto do corpo. Non producen proído -ó contrario da sarna-, pero si caída do pelo, danos no coiro e retraso no crecemento cando é importante. Tamén hai que ter presente que resulta contaxiosa á xente.



Rosas de tiña no cadril dun becerro.

En Teo 2 (Agro) tratan a tiña aplicándolle carbón de sobreira ou corticeiro, *Quercus suber* [89], e aceite. Isto lémbranos que para curti-lo coiro utilízase a casca moída dos carballos. En Dozón utilizan con este obxectivo o aceite queimado de coche, mesturado co sulfato de xofra-las viñas, tratamento común a outras enfermidades da pel (Dozón). Para cura-las rosas tamén é boa a raíz de abrótega (*Asphodelus albus*) [90].

Véxase en 8.9.2. o ensalmo que rezaba o menciñeiro Zacarías de Romariz para cura-las rosas.

7380 **empinchas** *s.f.pl.* Ver EMPINXAS /7382. (Mez).
7381 **empínchigas** *s.f.pl.* Ver EMPINXAS /7382. (Razo).
7382 **empinxas 1** *s.f.pl.* Dermatomicose ou tiña, enfermidade caracterizada por manchas brancas redondas producidas por fungos. (Gro4, Toba, Vboa., Ver2).
7383 **empínxegas** *s.f.pl.* Ver EMPINXAS /7382. (Com1).
7384 **empisna** *s.f.* Ver EMPINXAS /7382. (Ancares2).
7385 **empixas** *s.f.pl.* Ver EMPINXAS /7382. (Goián, SComba).
7386 **herpe 1** *s.m.* Variedade de tiña que presenta as típicas calvas redondas, que son difíciles de curar. (Ctel1).
7387 **impinxas** *s.f.pl.* Ver EMPINXAS /7382. (Com1).
7388 **pelada** *s.f. Ú. m. en pl.* Mancha redonda sen pelo producida pola tiña. (Gro4).
7389 **pínchegas** *s.f.pl.* Ver EMPINXAS /7382. (Com1).
7390 **pínchighas** *s.f.pl.* Ver EMPINXAS /7382. A nosa fonte escribe *pínchijas*. A única descrición que temos é "Enfermedad de la piel". Pode ser tamén un herpes, pero clasificámolo aquí por coherencia co resto das voces que teñen o mesmo lexema. (Figue2).
7391 **pinxas** *s.f.pl.* Ver EMPINXAS /7382. (Mel1).
7392 **pínxegas** *s.f.pl.* Ver EMPINXAS /7382. (Com1).
7393 **rempinxes** *s.f.pl.* Ver EMPINXAS /7382. A nosa fonte explica que "se caracteriza por la caida de la piel" e engade que se cura con xofre. A descrición pode corresponder a unha tiña ou a unha sarna. En calquera caso, non se pode falar dunha caída da pel senón simplemente de caída de pelo e posterior descamación da pel. (Caban).
7394 **rosas** *s.f.pl.* Manchas redondas e sen pelo que

[89] Os libros de medicina popular consultados non especifican este uso para a sobreira, pero si para o carballo (*Quercus robur*). A casca do carballo emprégase *en aplicaciones externas en forma de baños contra los sabañones, las quemaduras, las hemorroides y las enfermedades de la piel, incluida la micosis. Sus sustancias activas son desinfectantes y vulnerarias*. O carballo albar (*Quercus petraea*) proporciona unha casca de idéntica calidade e que permite as mesmas aplicacións. Outros autores recomendan utiliza-lo po dos bugallos, máis ricos en taninos cá propia casca.

[90] Información de Mª Carmen Lodeiro, Folgoso, Sobrado dos Monxes. Font Quer non recolle ningún uso neste sentido para as abrótegas, pero si contra os eccemas.

aparecen na dermatomicose. (Antas, Arroxo, Cur., Feás-A, Lal1, Mel1, Pont., San., Sob).

7395 **tiña** *s.f.* Dermatomicose. (Común).

7396 **herba das rosas** *s.comp.f.* Planta -que non podemos identificar- que se usa como remedio contra as rosas ou tiña. (Piquín).

7397 **mal da rosa** *s.comp.m.* Dermatomicose ou tiña. Ver ROSAS /7394. Valladares escribe *mal d'a ròsa*. (Agro., Grixoa, MVN, San., VLQ).

7398 **te-las rosas** *loc. v.* Padecer unha dermatomicose. Ver ROSAS /7394. (Antas, Cur., Feás-A, Lal1, Mel1, Pont., San., Sob).

7399 **te-lo mal da rosa** *loc. v.* Ver TE-LAS ROSAS /7398. (VLQ:313).

Cinza de borralleira, herba do monte e aceite de olivas, boa pra empinxas e fridas. (VLLM:2,503) [91]

8.3.4. Febre catarral maligna

Enfermidade vírica, de mortalidade elevada, que cursa con febre alta e diarrea, ás veces con gastroenterite hemorráxica; tamén se observan transtornos nerviosos. Resulta característica unha forte inflamación catarral das vías respiratorias altas (mucosas nasal e bucal) e o edema e conxestión da conxuntiva, con abundante secreción lacrimal. Tamén produce sinusite, polo que a inflamación do seo do óso frontal fai que calquera golpe nos cornos sexa doloroso e mesmo se desprendan doadamente a consecuencia dun golpe.

Aínda que presenta certas similitudes, non debe confundirse coa *lingua azul* (ver 8.3.15).

7400 **mormo 2** *s.m.* Probablemente, febre catarral maligna. (Noalla).

7400b **catarro ós cornos** *loc. s.* A nosa fonte explica que "produce desvelos al animal". Podiámolo identificar como epilepsia tanto pola descrición que fai o noso informante, como porque un dos tratamentos que temos da epilepsia consiste en cubrir un corno cunha gorra, coa idea, pensamos, de curar un catarro. Ora ben, tendo en conta que Ctel1 nos di que a epilepsia se orixina nas pariduras, quédanola dúbida de se falarán dunha epilepsia real ou se denominarán *epilepsia* á febre vitularia que ten, entre outros síntomas, o tremido e a incoordinación de movementos, producidos por unha descalcificación súbita. Con todo iso, na Gudiña falan dunha *fiebre catarral* que produce a caída dos cornos. A febre catarral maligna é unha enfermidade das vacas que cursa con febre alta e trastornos nerviosos e por aí, se cadra, enténdese que o informante diga que *produce desvelos*. (Antas3).

7401 ***fiebre catarral** *loc. s.* Febre catarral maligna. A nosa fonte defíneo como "enfermedad de la vaca, que hace que le caigan los cuernos". Velo comentario a CATARRO ÓS CORNOS (Gud.).

8.3.5. Glosopeda ou febre aftosa

Enfermidade vírica moi contaxiosa, febril, de curso agudo, caracterizada pola aparición de vesículas ou aftas nas mucosas da boca e tubo dixestivo, suco interdixital e zonas cutáneas non recubertas de pelo. Presenta unha taxa de mortalidade moi baixa en animais adultos pero alta en becerros, por complicación cunha posible miocardite. Afecta boa parte das especies domésticas (óvidos, cápridos, bóvidos e súidos) mentres que outras, como équidos, carnívoros ou aves non padecen a enfermidade pero poden actuar como vectores mecánicos. Resulta transmisible ó home, por contacto con animais enfermos ou consumo de carne ou leite procedente de animais enfermos, pero con dificultade e cun cadro clínico leve [92].

Forma parte das enfermidades sometidas á Campaña de Saneamento Gandeiro (ve-lo dito anteriormente no apartado 8.3.1. *Brucelose*) desde 1970, con vacinacións voluntarias. En 1991 Galicia acadou a consideración de comunidade indemne por esta enfermidade, polo que se suspendeu a vacinación (para evitar falsos positivos nas campañas de diagnóstico serolóxico).

O informante de Suevos describe con certo detalle as lesións características: *Non come. Cae la piel de la boca. Comen solo espigas de maiz solamente. Se lle caen as unllas dos pes*, e remata cun prognóstico realista: *quedan mal para sempre*.

---

[91] Llópiz escribe *borraleira* (cousa que corriximos porque nos parece un erro de escritura) e explica que se usa *para curar empeines* (sic), *herpes y llagas supurantes*; recólleo de Fray Bermuz, Arzúa.

[92] A Comisión Europea, nunha decisión adoptada en 2001 sobre medidas de control contra unha epidemia desta enfermidade que se presentara no Reino Unido, no gando vacún e porcino, calificaba de *diminuto* o risco para a saúde humana tanto por contacto cos animais coma por consumo de carne ou leite (www.consumer.es [23.02.2001]).

En Camariñas (Cam1) cren que é unha enfermidade das patas pero que ó lambe-la vaca os pezuños *vénlle o gripo á lingua*. Tamén en Noalla (Noalla3) considérana os nosos informantes como unha enfermidade das patas, engadindo que lle *daba unha febre terrible que hasta escumaban*, feito que interpretaba como complicación.

Non deixa de chama-la atención a diferenciación que o noso informante en Ramirás (Peno.) establece entre a *fiebre aftosa* e o *gripo*, cando tantos outros informantes utilizan a forma común *gripo* (ou *gripe*) para designa-la enfermidade de que falamos. No primeiro caso *a vaca non se ten de pe nas patas e si ten un becerro*[, este] *contamínase co leite da vaca*, mentres que o *gripo*, que describe a continuación, consiste nunha *abertura que se fai nos pezuños e na lengua, a vaca deixa de comer e ponse moi triste*. É ben certo que as dúas descricións non se contradín e que poden coincidir na enfermidade de que falamos, pero o feito de mencionalas por separado establece unha diferenciación, ó noso entender errónea, que nunca saberemos se corresponde realmente á información que recibiu o colector ou ó que el imaxinou.

E tamén nos chama a atención que esta sexa a única fonte que testemuña a denominación, que nos parecía máis estendida, de *fiebre aftosa* para a glosopeda, maiormente baixo o castelanismo *fiebre*, ademais do noso informante en Borre., que só utiliza o substantivo e tamén en castelán.

Actualmente esta enfermidade obriga a sacrifica-lo animal. Cando se permitía instaurar tratamentos contra esta enfermidade, os veterinarios aplicaban remedios puramente paliativos, que non curaban a glosopeda, por non actuaren directamente sobre o virus, pero axudaban a cura-las lesións e a evita-las complicacións. A única medida eficaz é a prevención da enfermidade coas correspondentes vacinas.

Os remedios da terapéutica popular aplicados contra a glosopeda, eran os seguintes:

- Lavados con auga salgada (Arc1, Cam1, Culle.) ou facer anda-la vaca pola auga na beira do mar (Cam1).
- Lavados con sulfato das viñas (Arc1, Lucí [93], Nove.); en Noalla, derreten sulfato de cobre e danllo nos pezuños cun pincel. O sulfato é caústico, e polo tanto actúa como desinfectante das feridas.
- Lavados con *Zotal* (Lucí, Figue1) [94].
- Bótanlle nas patas caldeiros de salmoira (Arca) ou meten directamente as patas do animal nun recipiente con salmoira (Sabu2).

Todo isto, ou simplemente o feito de levalas a pastos con pozas para humidece-los pezuños (Caa.), o que busca é reducir-la dor, limpa-las feridas e combate-la inflamación co efecto astrinxente do sal.

Para as lesións da boca, sabemos dos seguintes tratamentos:

- Lavados con auga e mais vinagre (Arca) ou vinagre, sal e cebola (San.). En Torrente (Conxo) mesmo engaden ás veces o sulfato de cobre das viñas. O que se pretende é aproveita-lo efecto astrinxente do sal e do vinagre.
- Viño de romeu e *Clorina* (Fózara) [95].
- Lavados da boca con *Zotal* (Figue1).

> *Si lle daba o gripo no vrau púñanse coxas, non comían porque lle atacaba á lengua. Entonces botabámoslle mel cun vascullo, cun trapo envolto nun pau, e metiámosllo na boca, na lengua e nas gorxas, porque non comían. Era un mal que lle atacaba á garganta e os pés, algunhas incluso quedaban descalzas... pola febre que collían. Esto era hai máis de trinta anos, eu non sei de que podía ser aquelo, ahora non hai deso [96].*

Unha secuela moi frecuente da glosopeda, nas vacas de alta produción leiteira ou deficientemente alimentadas, é unha miocardite que provoca unha insuficiencia cardíaca crónica compensada e que se manifesta polo mal aspecto xeral, por unha forte dispnea (asma postaftoso), polo pelo irto [97] (a

---

93 A Ramallosa (Lucí): *se ye da agua de solfato*.

94 O *Zotal* é un desinfectante a base de fenol, creosol e creosota. Emprégase para a desinfección de locais e material diverso, pero non está recomendado para desinfección de feridas e moito menos para lavados da boca, como recolle o noso informante en Figue1.

95 Para preparar este *viño de romeu* póñense a macerar en viño branco varias poliñas de romeu ben picadas. Non sabemos se será eficaz contra as aftas da glosopeda, pero non cabe dubidar da capacidade vulneraria, en uso externo, da infusión ou do alcohol de romeu para lavar e acelera-la cicatrización de calquera ferida. Tanta eficacia parece ter que o refraneiro castelán afirma que *Mala es la llaga que el romero no sana* (FQ:652).
A *Clorina* é un desinfectante tópico, de uso externo, de medicina humana, que se emprega para lava-las feridas, infeccións bucais e vaxinais ou en tratamentos pre e postoperatorios.

96 Tras.

97 Gro2 explica que as vacas sas, na primavera, cambian o pelo e quedan *como a seda, brillantes*, pero estas teñen como *unha friura dentro* e teñen sempre o pelo rizo.

característica *faixa*), adelgazamento, baixa produción de leite etc. Nos casos nos que a vaca estea *enfaixada* danlle unhas fregas nas costas con manteiga mesturada con borralla e con sangue da menstruación dunha muller (Lal1 [98]).

Outras medidas complementarias que se utilizan coas vacas enfermas é darlle de comer uns bolos feitos con fariña de centeo e auga. Tanto fermentados coma crus son de fácil inxestión para estes animais nun momento en que teñen a mucosa bucal inflamada e dolorida (Caa.).

En Benquerencia (Ben.) anotouse unha curiosa mestura dos tratamentos que acabamos de describir: faise un hisopo empapado con sal e vinagre e chapurrean con el na vaca. Tamén se lles bota cal viva nos pés e na porta da corte.

En Vilaboa (Vi-Val.) infórmannos que *quedan con un pelo todo levantado ("ruzo"), pierden fuerza, comen mucho, no engordan fácilmente y se sofocan rápidamente con el calor. No tienen terapéutica alguna. Lo primero que hacen es venderlas rápidamente para el matadero, aunque también hay algunos que les quitan el pelo ruzo y procuran venderla si pueden para la vida, pero lejos de la aldea*. Ten moita razón o noso informante de Vilaboa, xa que esta miocardite non ten tratamento ningún e, aínda que non provoca a morte do animal, anula o seu rendemento económico tanto en leite como, ó longo, en carne, polo que o mellor remedio é o seu sacrificio canto antes.

7402 **faixa 1** *s.f.* Enfermidade da vaca que se manifesta por unha banda de pelo ruzo que lle sae ó gando nas costas. Tódalas voces que levan o mesmo lexema da *faixa* designan segundo os nosos informantes unha glosopeda ou unha distomatose hepática, dúas enfermidades teñen un síntoma común: o pelo ruzo en torno ás costelas. Así, co nome de *faixa* parece designarse tanto a propia enfermidade como este síntoma. Pero algunhas informacións parecen suxerir que co mesmo nome se designen outras patoloxías, fenómeno nada estraño por outra parte. Así, no cuestionario do ILG, os informantes describen a *faixa* de maneira distinta á académica, engadindo algúns pormenores sorprendentes, como os *vultos no ubre* ós que se refire Piñe. ou a *graxa prexudicial en torno ás costelas* de Lagar. Ademais, tendo en conta que a glosopeda pode debilitar tanto o animal que acabe collendo outra enfermidade infecciosa máis grave, como a tuberculose, non nos sorprende que cheguen a describi-la *faixa* como tuberculose e que a picardía dos tratantes aproveite esta confusión para devaluar como tuberculosas tódalas vacas *enfaixadas*. Vexamos agora algunhas das explicacións que dan os nosos informantes. Carr-C responde á pregunta *Enfermidade da vaca caracterizada por accesos de tose* cun descritivo *a vaca tose*, pero engade que "esta enfermedad conduce a la otra llamada *faixa*, más fuerte que la anterior. Se dice entonces que la vaca está *picada del pulmón*". Poderiamos deducir desta explicación que ese cadro respiratorio inicial, con tose, se cronifica nunha tuberculose, que sería esa *faixa*. Tamén en Callo. a *faixa* designa a "tuberculosis del vacuno. Es incurable...". Poden referirse á glosopeda en fases avanzadas e que eles confundan coa tuberculose, ou á mesma tuberculose. En Piñe. describen a *faixa* como que "padecen del hígado y se le ponen unos bultos a la altura del ubre". Aínda no caso de que se refiran á distomatose hepática, que parece ser que tamén produce *faixa*, non hai tales vultos no ubre. Para o informante de Lagar., a *faixa* é unha "grasa perjudicial en torno a las costillas". Non sabemos nestas patoloxías de ningunha *graxa prexudicial* (nin beneficiosa) pero non hai inconveniente en consideralo como glosopeda cunha etioloxía moi particular. TapiaC e Antas3 descríbeno claramente como unha glosopeda. Noalla di que é unha "Alergia (enfermedad grave)", non sendo certo que teña nada que ver coas alerxias. (Común).

7403 **ghripa** *s.f.* Ver GRIPE 1 /7407. A nosa fonte escribe *jripa*. (Cam4).

7404 **ghripe** *s.f.* Ver GRIPE 1 /7407. A nosa fonte escribe *jripe*. (Cer., Cervá2, Cruído, Dum., Gaxate, Lamas, Lestón, Neda, Negra., Oroso2, Ortoño, SComba, Suevos, Vtose).

7405 **ghripo** *s.m.* Ver GRIPO /7408. A nosa fonte escribe *jripo*. Baíñas, Bas., Conxo, Figue1, Lucí, Oroso1 e Verdu. descríbeno como glosopeda. De Lañas non temos máis información e Caa. describe só o tratamento. Respecto á información deste último, no texto que

[98] Como remedio contra o *torzón* –cólicos- das bestas, Risco recolle que en Cualedro (Ourense) danlle a beber a auga resultante de lavar unha camisa de muller coa regla (Cuale.:109).

manexamos escribe *jripo* como resposta á pregunta do ILG 113 (*Febre aftosa*) e *xripo* na folla que adxunta á pregunta 120 (*Outras enfermidades do vacún*). (Anseán, Bas., Baíñas, Caa., Cang3, Conxo, Corb., Couso, Dúas, Estr4, Figue1, Fol-C, Lagar., Lañas, Lous., Lucí, Neves2, Oliv., Oroso1, Rus, Verdu., Xeve, Zamáns. ILG (C:39)).

7406 **glosopeda** *s.f.* Denominación técnica da enfermidade por antonomasia do gando vacún. Nótese que varios dos informantes desta voz son veterinarios (Lama, Pont. e Sou3). (Abe., Lama, Peroxa, Pont., Rama., Sou3, Troán1, Xudán1).

7407 **gripe 1** *s.* Glosopeda. Probablemente, o nome proceda da similitude coa gripe humana, polo moqueo das vacas enfermas, ou pola alta contaxiosidade. O xénero desta palabra é conflitivo: moitas das nosas fontes recollen o masculino (cousa que resulta indiscutible na variante *gripo*), e observando o TILGA o masculino predominaba no XIX e o feminino no XX. Ante esta disparidade o VOLGa optou por facer normativa a forma feminina. Parade. dáo como feminino e explica: *A 'gripe' ou a doenza pegañenta epizoótica do gando vacun, que se declara con febre e con vixocas na boca e entre os pesuños, transmisibel á xente* (Parade.:279). ERG, citando a Leiras Pulpeiro, tamén o dá como feminino. Baña2 e Oroso2 contestan con esta voz á pregunta "Supura-los cascos da vaca", que nós consideramos como unha descrición dunha necrobacilose podal. Neste caso, tendo en conta que as lesións nos pezuños son características da glosopeda, clasificamos aquí a información destas fontes. Tamén se recolle *gripe* en Tabor, pero a explicación que alí nos dan xustifica que o clasifiquemos á parte: "Con el nombre de gripe se conocen indistintamente cualquier afección de los vacunos tales como las protuberancias de las pezuñas, verrugas de la lengua y otras enfermedades que no conocen.[...] Todas las demas enfermedades desconocidas para el campesino como antes dije toman el nombre de gripe". (Común. ILG: 41 (C:10, LU:18, OU:3, PO:7, GExt.:3)).

7408 **gripo** *s.m.* Ver GRIPE 1 /7407. En Sober2 queda recollida a glosopeda como a enfermidade máis característica do gando: "La fievre [sic] de la vaca", consideración que veremos tamén nas voces *mal das vacas* e *mal do gando*. A voz *gripo* aparece na documentación do ILG en dúas ocasións: como denominación da glosopeda (80 localizacións) e como resposta xenérica á cuestión *Outras enfermidades do vacún* (16 localizacións). Cómpre sinalar que o noso informante en Peno. parece considerar cousa diferente *gripo* e *fiebre aftosa* (Ve-la nota a *FIEBRE AFTOSA /7430). O noso informante en PSeca emprega a denominación de *gripo* para designa-las aftas da mucosa bucal e a inflamación das papilas da lingua, que era o que lle preguntaba o colector da información. Estas lesións son propias desta e doutras enfermidades. (Común. ILG: 80 (C:33, LU:19, OU:15, PO:13)).

7409 **lambeta** *s.f.* Glosopeda. Resulta moi interesante esta denominación que alude ó comportamento típico das vacas con glosopeda, que lamben os pezuños, que lles doen, buscando alivia-la dor. E mesmo en Cam1 dísenos que a glosopeda é unha enfermidade dos pezuños que lle vén á lingua por lambelas. En Ribad. definen a *lambeta* como unha enfermidade que carcome o pezuño do gando, o que podería interpretarse como unha necrobacilose podal. Nós entendemos que neste caso se trata dunha glosopeda polas razóns explicadas. (Nove., Ribad).

7410 **liñaceira 1** *s.f.* Glosopeda. Realmente, ningunha das nosas fontes definen esta voz coa suficiente información como para estarmos seguros da enfermidade que designa. Ibáñez e Carré só din que é "enfermedad bucal del ganado vacuno", e Valladares que é "cierta enfermedad que el ganado vacuno suele padecer en la boca". Llópiz dános esta voz dentro dun refrán que di recoller de Prado Lameiro: *Puchiño con liñaceira non debe levarse â feira*, e só explica que se trata dunha "enfermedad bovina contagiosa". Estas características da enfermidade (o feito de que se manifeste na boca e de que sexa contaxiosa) fannos pensar nunha glosopeda, xa que outros procesos bucais, que veremos dentro do apartado 8.5.7. *Estomatite*, non son transmisibles (é dicir, non son contaxiosos). Mesmo así, téñase en conta que outros informantes designan co nome de *liñaceira* as manchas ou defectos nos dentes, cousa que non se observa no caso da glosopeda. (IBA, LCA1, MVN, VLLM4).

7411 **mal 2** *s.m.* Enfermidade do gando por antonomasia, a glosopeda. (Común).

7412 **molesta** *s.f.* Ver MOLESTIA 1 /7413. O noso informante defíneo xenericamente como "enfermedad de las uñas". O noso informante non dá máis explicacións. Nós clasificámolo como glosopeda por coherencia con outras fontes que nos dan *molestia* con este significado e porque as lesións das uñas son características desta enfermidade. (Morga).

7413 **molestia 1** *s.f.* Glosopeda. Lémbrese que a glosopeda produce lesións nos pezuños e que

ten sentido a resposta *molestia* á pregunta *Enfermidade que carcome o pezuño do gando* que dan Zamáns, Valad1, e Valad2, aínda que ordinariamente nós considerariamos isto como necrobacilose podal. De feito outras respostas obtidas no mesmo caderno do ILG son *gripe dos pés*, *glosopeda* e *gripo*, que evidentemente designan a enfermidade que agora nos ocupa aínda que se recolleran como nomes doutra. O noso informante en Guil2 corrobora a nosa interpretación cando explica así a *molestia*: "Fiebre. Salen heridas en la boca y en las patas". (Frei., Guil2, Rama., Randu., Valad1, Valad2, Zamáns).

7414 **nacida 3** *s.f.* Ver MAL DA UNLLA /7422. Eladio Rodríguez, que ó defini-la voz *nacida* só o fai como carbuncho, dá tamén *nacida* como sinónimo de *mal da unlla*, definido como glosopeda. (ERG).

7415 **peste 3** *s.f.* Glosopeda. (Abe., Ancares3, Callo., Cerd2, CTui, Frei., Oliv., Peroxa, Somo1, Somo2).

7416 ***fiebre** *s.f.* Febre aftosa. (Borre.).

7417 **gripe dos pés** *s.comp.m.* Ver GRIPO NAS PATAS /7419. (Tabor).

7418 **gripo na boca** *s.comp.m.* Presentación da glosopeda con lesións na mucosa da boca. (Taboa.).

7419 **gripo nas patas** *s.comp.m.* Presentación da glosopeda con lesións nos pezuños. (Taboa.).

7420 **mal da boca e das pezuñas** *s.comp.m.* Glosopeda. En inglés, *foot and mouth disease*. (Sou3).

7421 **mal da pezuña** *s.comp.m.* Ver MAL DA UNLLA /7422. *-Bota mais leña, Xan, dicía un vello abrindo uns ollos mesmo de pracer... -Alá vai ese toxo e dous laureiros... -¡Tira á un lado, Manoel! -¡Qué ben arde! -Pois todo ê necesario qu'as bruxas esta noite teñen xunta c'o gallo d'acabar c'os nosos gandos pol-o mal d'a pezuña*. (AB:22.03.1890, 196).

7422 **mal da unlla** *s.comp.m.* Glosopeda. Nome común que se lle dá por aparecer nos pezuños as lesións características desta enfermidade. Eladio Rodríguez defíneo así: "Glosopeda, enfermedad contagiosa, de caracter virulento y eruptivo, que por regla general se desarrolla en la boca y las pezuñas de bueyes, vacas, ovejas, cabras y carneros, extendiéndose también al cerdo, y en determinadas condiciones al hombre; *nacida*". (ERG).

7423 **mal das pesuñas** *s.comp.m.* Ver MAL DA UNLLA /7422. (Cang3).

7424 **mal das vacas** *s.comp.m.* Ver MAL DO GANDO /7426. (Ancares3).

7425 **mal de uña** *s.comp.m.* Ver MAL DA UNLLA /7422. (XER).

7426 **mal do gando** *s.comp.m.* Glosopeda. (Común).

7427 **mal do ghando** *s.comp.m.* Ver MAL DO GANDO /7426. A nosa fonte escribe *mal do jando*. (Sisán, Viso1, Viso2).

7428 **mal roxo 2** *s.comp.m.* Glosopeda. Lañas tamén recolle esta denominación dentro dunha lista de outras enfermidades do gando pero sen ofrecer ningún dato descritivo. Con este nome de *mal roxo* coñécese unha enfermidade do porco -que nada ten que ver coa glosopeda nin co carbuncho, ó que tamén chaman *mal roxo*- caracterizada por numerosas petequias por todo o corpo, ás que lle debe o nome. Na glosopeda das vacas non se produce ningunha lesión hemorráxica que poida sustentar esta denominación de *mal roxo*. (Morga).

7429 **peste das patas** *s.comp.f.* Ver MAL DA UNLLA /7422. (Lama, PCal., TMon1).

7430 ***fiebre aftosa** *loc. s.* Febre aftosa (voz non documentada). É curioso que o informante nos dea unha denominación tan académica e inusual entre gandeiros. Pero máis curioso aínda é que reserve unha parte dos síntomas da glosopeda para a vella denominación de *gripo*, establecendo así unha aparente diferenza entre *fiebre aftosa* e *gripo* que non ten base real: *'Fiebre aftosa': A vaca non se ten de pe nas patas e si ten un becerro contaminase co leite da vaca. 'Gripo': abertura que se fai nas pezuñas e na lengua, a vaca deixa de comer e ponse moi triste*. Coidamos que a diferenza só está na cabeza do informante. (Peno.).

7431 **agripada** *adx.* [Vaca] afectada de glosopeda. (Cam1, Sober2).

7432 **enfaixada 1** *adx.* Ver FAIXADA 1 /7434. Os tratantes aproveitan para devaluala por tuberculosa, o que é falso. (Arc3, Gro1).

7433 **enfeixada 1** *adx.* Ver FAIXADA 1 /7434. (Cam1).

7434 **faixada 1** *adx.* [Vaca] que ten a *faixa* (cinto de pelo ruzo nas costas). (Común).

7435 **fogosa 2** *adx.* [Vaca] que se fatiga facilmente por problemas respiratorios consecuentes á glosopeda. (Noalla).

7436 **ghripona** *adx.* Ver GRIPONA /7437. A nosa fonte escribe *jripona*. (Cervá2, Estr3, Vi-Val).

7437 **gripona** *adx.* Ver GRIPOSA /7438. A nosa fonte (Estr3) describe como: "vaca con el pelo levantado (ruzo, se le llama)". E engade: "El animal va perdiendo peso, aún comiendo apenas engordan y con el trabajo o calor se sofocan enseguida. En la casa del labrador no se quiere a esta vaca y procuran venderla lejos de su tierra a otras personas". (Estr3, Mel1).

7438 **griposa** *adx.* [Vaca] enferma de *gripo* ou glosopeda. (Común).

7439 **dous pelos** *loc. adx.* [Vaca] á que o pelo lle cambia de color ou está de punta na rexión pulmonar, por glosopeda. (Cam1, Cam4).

7440 **abotonarse 2** *v.* Arremuiñarse [o pelo da vaca] na súa parte dianteira, como consecuencia dunha glosopeda. (Feás-A).

7441 **alaixar** *v.* Ver ABOTONARSE /7440. (Feás-A).

7442 **arrebuñar 1** *v.* Retorcérselle o pelo [ás vacas] polo frío ou por glosopeda. (Mel1).

7443 **enfaixarse 1** *v.* Ver TE-LA FAIXA 1 /7445. (Mel1).

7444 **faixear 1** *v.* Ver TE-LA FAIXA 1 /7445. O noso informante en Oroso2 explica que *faixearse* é "cuando les da mucho el sol y echan espuma por la boca". Podería tratarse dunha insolación pero polo nome e polos síntomas (*echan espuma por la boca*) máis parece que é glosopeda cunha etioloxía descrita polo informante dunha maneira moi persoal. Fainos sospeitar que aquela descrición é vaga de máis cando, a seguir, describe *afrontarse* -que nós clasificaremos como dispnea- como "cuando echan espuma por la boca a causa del cansancio del trabajo". (Com1, Oroso2).

7445 **te-la faixa 1** *loc. v.* Poñerse de punta o pelo [da vaca] formando unha faixa na zona torácica como síntoma de glosopeda. (Común).

7446 **te-la molestia** *loc. v.* Padece-la glosopeda. (Frei., Guil2, Rama, Randu., Valad1).

7447 **te-la peste** *loc. v.* Estar afectado de glosopeda [un bovino]: é a enfermidade por antonomasia do gando bovino. (Ancares3).

7448 **te-las *viruelas** *loc. v.* A nosa fonte defíneo como "glosopeda". Sorpréndenos moito esta denominación non só por ser de orixe castelá senón por estar aplicada en forma claramente irregular: as vexigas (nome que lle correspondería en galego) son unha enfermidade que se daba nos seres humanos e que hoxe está erradicada. Posiblemente a confusión estea en que a palabra *vexigas* ten un segundo significado: bocha, que lle acae ben ó significado de glosopeda. Pero evidentemente non toda bocha é *viruela* ou *varíola*. As bochas na lingua, unha estomatite vesiculosa, son unha das manifestacións dunha enfermidade distinta e propia do gando, a glosopeda. É dicir, que dunha palabra galega con dous significados e dúas denominacións distintas en castelán, cóllese xustamente a tradución castelá que neste caso non corresponde. (Lampón).

7449 **te-lo gripo** *loc. v.* Padece-lo *gripo* ou glosopeda. Tamén se di dos humanos con gripe. (Común).

7450 **te-lo mal** *loc. v.* Ter glosopeda: enfermidade do gando por antonomasia, moi común e a máis contaxiosa. (Común).

7451 **te-lo mal da boca e das pezuñas** *loc. v.* Ter glosopeda. Chámase así porque nesas partes do corpo é onde se manifestan as lesións características da enfermidade. (Sou3).

7452 **te-lo mal das vacas** *loc. v.* Ver TE-LO MAL /7450. (Ancares3).

7453 **te-lo mal do gando** *loc. v.* Ver TE-LO MAL /7450. (Común).

8.3.6. Herpes

Aínda que o herpes é unha enfermidade específica da pel, de orixe vírica e caracterizada por pequenas vesículas transparentes, usualmente utilízase esta denominación (e moitas outras, como empinxas, eccemas e, sobre todo, *erisipela* e as súas múltiples variantes) para denominar calquera afección da pel, da xente ou do gando, que cursa con inflamación da pel, granulacións supuradas ou non, proído e descamación da pel; e, no gando, con caída do pelo.

Lis Quibén recolle numerosos remedios populares, con ou sen ensalmo, para curar estas enfermidades na xente, pero nós só atopamos un para o gando: botarlle borralla (Arc1).

7454 **herpes** *s.m.* Enfermidade da pel caracterizada por engurras, granulacións, costras e caída do pelo. Cam4 escribe *erpes* e defíneo como "vultos que lles saen ás vacas na cara externa das patas". Para nós, tal definición describe unha sinovite, cousa moi distinta dun herpes. Ora, se por *vultos* se entende *vultiños*, é dicir, grans, daquela si que podería ser un herpes. (Arroxo, Cam4, Melias).

7455 **herpez** *s.m.* Ver HERPES /7454. A nosa fonte escribe *erpez*. (Piñei2).

7456 **mourón** *s.m.* Especie de eccema. (San.).

8.3.7. Mamite

Enfermidade bacteriana de etioloxía diversa, debida xeralmente a estreptococos e estafilococos, que se caracteriza por unha inflamación máis ou menos intensa do tecido glandular do ubre cunha anulación ou diminución da produción de leite, que calla doadamente. Pode afectar un ou dous cuarteirón nada máis mentres que os restantes seguen sans. Cursa baixo distintas formas clínicas: aguda, subaguda, crónica, gangrenosa etc., variando os síntomas, as lesións e o prognóstico segundo a forma clínica, pero son moito

máis frecuentes as mamites subclínicas que, sen mostraren sintomatoloxía ningunha, provocan modificacións nas propiedades químicas do leite e a elevación das cifras de reconto de células somáticas [99].



Cuarteirón atrofiado como consecuencia dunha mamite.

Moitas das informacións recollidas denominan unha enfermidade que describen, mellor ou peor, como unha inflamación do ubre. En principio, clasificámolas directamente como mamite. Co tempo fomos observando, cando podiamos matiza-la información, que había ocasións nas que se estaban referindo, realmente, a un edema mamario, outra enfermidade do ubre na que se produce un edema, non unha inflamación, con diferente etioloxía, prognóstico e tratamento. Coidamos que os gandeiros saben diferenciar normalmente unha da outra, polo que o problema xorde ante explicacións difusas, sen síntomas específicos, ou por recolleitas diferidas da información. Así, cando nos foi posible, reclasificámo-las voces nun ou noutro apartado pero seguramente quedaron outras sen posible confirmación e, polo tanto, clasificadas onde non correspondan.

Popularmente, a mamite é unha das consecuencias habituais do mal de ollo: *De una vaca con mastitis decía el propietario al veterinario: es que le gusta mucho esta vaca* (a la vecina) *y cada vez que la ve pasar se queda mirándola con envidia* (CLT:116). Na Raia Seca rexistrouse a crenza de que unha vaca con *mal de ollo* pode quedar sen dar leite ou mesmo aparecer *cuallado* enriba das vigas da corte (Raiaseca:194). Noutros casos, din que *mamoulle o leite unha cobra*, etioloxía popular da que falaremos amplamente no capítulo 12. *Crenzas e supersticións*.

Tamén Taboada Chivite (Ver7) recolleu en Verín a crenza de que as mamites -coma outras enfermidades- débense a que algún veciño lle botara un mal de ollo á vaca. Para desface-lo meigallo piden ó sancristán unhas areas da ara sagrada e métenas nunha bulsa que se ata entre os cornos ou se lle colga do pescozo; noutros casos, e co mesmo fin, meten mercurio entre as pedras da corte.

[99] O reconto de células somáticas (fundamentalmente leucocitos ou glóbulos brancos, xunto a unha pequena cantidade –sobre un 1-2%- de células procedentes da descamación dos epitelios da glándula mamaria) pon de manifesto unha posible infección do ubre. Estas células de defensa, presentes habitualmente en cantidades de menos de 100.000 células/ml en vacas sas, incrementan o seu número no caso dunha mamite: cifras por riba de 400.000 indican xa a existencia dunha mamite subclínica. A lexislación actual non permite recolle-lo leite que supere esta cifra. Ademais de ser un indicador directo dunha mamite subclínica, un reconto elevado de células somáticas implica a presenza de altos niveis de certos enzimas, lipase e plasmina, que afectan negativamente o aproveitamento industrial do leite, reducindo o rendemento queixeiro e diminuíndo a vida comercial do leite.

Aínda tendo en conta que se trata de enfermidades diferentes, puidemos comprobar que moitos dos remedios que aplican os nosos gandeiros nas mamites son os mesmos que se empregan no edema mamario: námbolos dous casos hai un aumento de volume do ubre, ás veces con calor e sensación dolorosa. En tódolos casos moxen a vaca frecuentemente (Arc1) e danlle fregas no ubre, utilizando para isto os seguintes produtos:

- O leite do mesmo ubre (Arc1, Viso1, Viso2).
- Leite callado no ubre e mais na cruz dos cadrís (Caa.).
- Graxa de porco sen sal mesturada coa escuma do leite acabado de muxir e mel (Figue1), ou fregas con mel ou manteiga (LC:301 [100])
- Graxa (Viso1, Viso2), graxa sen sal (Randu.), graxa mesturada con fariña milla fervida en leite (Arc1), graxa de porco (Arc1, Gro2) ou pingo (Cam1), graxa de porco, sal e ovo batido (Anca.).
- Manteiga e aceite fervido (Arc1).
- Unha xema de ovo o primeiro día e unha mestura de xema de ovo e aceite o seguinte (Cam1).
- Unha pasta feita a base de aceite, vinagre, ovos e pataca cocida (Estr3).
- Cataplasmas de relón (Xudán1).
- Auga de castañas soa ou con fariña de centeo (Razo).
- Auga morna e mais xabón (Arc1).
- Augardente con aceite e manteiga (Arc1). Ou ben o dono toma un grolo de augardente e cúspeo sobre o ubre (Arc1).

Tamén se usan diferentes herbas medicinais, e así din que é bo o fiollo (ou fiúncho, *Foeniculum vulgare*) e a xarxa (sarxa ou salvia, *Salvia officinalis*) (Sete-S) ou a auga de malvas (*Malva sylvestris*) (Ctel1). Noutros sitios refregan o ubre cunha herba chamada *veladuz* (*Sedum telephium*, tamén coñecida como *carruliña, millo das paredes* ou *vela de uz*) (Burón, Suarna).

Ningunha destas herbas parece te-la acción antiinflamatoria que xustificase o seu uso para tal fin. Máis ben parece que se trata dunha translación ó gando de certas herbas de sobrada sona na medicina popular humana polas recoñecidas propiedades estimulantes e tónicas, entre outras, que posúen. Respecto da xarxa, de sona case milagreira, Font Quer lembra unha sentencia latina do século XIII: *¿De que pode morre-lo home que teña xarxa no horto?*[101], aínda que logo recoñece que *contra o poder da morte non hai medicamento na horta* (FQ:678 [102]). Da malva di que se utiliza principalmente en forma de cataplasmas, como emoliente para abrandar toda clase de furunchos, e recolle estes refráns: *Con un huerto y un malvar hay medicinas para un hogar; Con un pozo y un malvar, boticario de un lugar* (FQ:405).

As fregas no ubre teñen un efecto terapéutico claro ó provocaren un aumento da temperatura da zona e unha vasodilatación e aumento da circulación sanguínea, que favorece a reabsorción dos líquidos celulares extravasados no edema ou a redución da inflamación e da dor. Sobre as fregas, o informante aclara que sempre que se refregue *hai que facelo moi forte, ata que o brazo canse* (Cam1). O feito de facelo con graxa, manteiga ou aceite baséase en que estas substancias facilitan a masaxe e evitan que sexa dolorosa pero non teñen, en por elas, actividade terapéutica ningunha. O emprego da augardente explícase pola acción rubefaciente (vasodilatadora) do alcohol. No caso das mamites estes tratamentos só teñen un efecto sintomático, aliviando a inflamación, pero non teñen efecto ningún sobre o que causa a enfermidade.

No Grove explican que para intentar desatasca-lo teto métenlle unha pluma de ave *polo burato do teto arriba, ata onde teñen o mal* (Gro2).

Noutros casos recórrese ó fume producido polas brasas do loureiro, oliveira, galiñaza e unllas de porco, ou ben de loureiro, oliveira, bieiteiro e allo: en calquera caso dirixido directamente sobre o ubre enfermo. Son os *fumaghes* ou *fumazos*, nos que podemos ver unha clara relación co emprego do fume en prácticas relixiosas, como parte da ofrenda ós deuses ou como protector contra os malos espíritus, pero que non posúen efecto ningún contra as causas da enfermidade. Tamén se chama *fumazo* a fogueira que se fai na véspera de san Xoán o do domingo de Ramos con loureiro bendito para saca-lo meigallo.

Lémbrese tamén que ó loureiro se lle atribúen efectos protectores case máxicos e por iso poñen ramos de loureiro nas cortes, para protexe-lo gando de calquera desgraza (ERG:loureiro). Igualmente, outros utilizan as pólas de oliveira penduradas da corte buscando unha protección similar (ERG:oliveira).

En Cotobade [103] recitan o seguinte ensalmo contra as inflamacións do ubre nas vacas:

---

[100] Castañón recolle esta terapéutica en San Martín de Oscos, onde tamén se emprega o fume procedente de queimar uces.

[101] *Cur moriatur homo cui salvia crescit in horto?*

[102] *Contra vim mortis non est medicamen in hortis*.

[103] VLQ:310.

Leocodio [104] *yo te bendigo y te tollo,*
miña lima de aceiro che poño.
Pol-a gracia de Dios
e da Virxen María,
un Padre Nuestro
e-un Ave María.

En Ames (Tapia-C), o informante vai máis ó práctico e di que a curan con antibióticos.

7457 **anabada** *s.f.* Ver ANABADO 1 /7458. (Ced).

7458 **anabado 1** *s.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. Clasificámolo como subst. por simulitude con *anabada* que o *Glosario de voces galegas de hoxe* dá como substantivo pero, dado que existe o verbo *anabarse*, moi ben podía ser que *anabada* e *anabado* fosen adxectivos de ubre que, como se sabe, non en todas partes conserva o xénero masculino. (Fol-LE).

7459 **calbrazo** *s.m.* Endurecemento do ubre da vaca. (Car2).

7460 **cobre** *s.m.* Mamite ou edema mamario. (Mra.).

7461 **cobrío** *s.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Piñei2).

7462 **flamón 1** *s.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Callo).

7463 **flemón 1** *s.m.* Ver FLAMÓN 1 /7462. (Somo2).

7464 **friaxe** *s.* Endurecemento e inflamación do ubre. A nosa fonte non indica o xénero gramatical. Quizais o que quere dicir é que a mamite provoca febre, *friaxe*. (Grixoa).

7465 **inflemación** *s.f.* Endurecemento e inflamación do ubre. A nosa fonte engade que é polo tempo do cuco. Ve-las mesmas referencias á chegada do cuco en 8.5.3. *Edema mamario*. (Piñor).

7466 **lixo 1** *s.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. Oroso2 descríbeo así: "*Ubre acucao* o *Lixo*: ubre azul y dura que echa sangre mezclada con leche". Negral di: "*Lixo* (o *Pulmoeira*): la 1ª tiene relación con la reducción de la leche de las vacas. La *pulmoeira* también influye en ello pero su influencia es más extensa". (Agola., Codeso., Com1, Cur., Cur1, Gui., Medín, Negral, Pedro., Rendal, Sob., XRMF4).

7467 **maimites** *s.f.* Ver MAMITE /7469. (Per).

7468 **mamices** *s.f.* Ver MAMITE /7469. Sospeitamos que sexa erro por *mamites*. (Sisán).

7469 **mamite** *s.f.* Inflamación do ubre. (VLQ, XER).

7470 **mamites** *s.f.* Ver MAMITE /7469. Incomprensiblemente, a nosa fonte en Borre. responde con esta voz á pregunta "Tumoracións que lles saen a algunhas vacas no ubre e no ventre", que nós clasificariamos como papilomatose. A mamite nunca produce tales espullas nin nada semellante. E tampouco a papilomatose produce mamite, ó non afectar o tecido glandular do ubre. (Barre., Borre., Cam2, Donís3, Figue2, Gro2, Guil2, Morga).

7471 **mamitis** *s.m.* Ver MAMITE /7469. Úsase na expresión *te-lo mamitis*. (Noalla3).

7472 **mastite** *s.f.* Mamite. (XER).

7473 **palmeira 1** *s.f.* Ver PALMOEIRA 1 /7474. ¿Será un erro por *palmoeira*? (Morai.).

7474 **palmoeira 1** *s.f.* Mamite. *Palmoeira* (e as súas variantes) parece unha voz comodín que se utiliza, no que a nós nos interesa, para designar diferentes patoloxías do gando vacún. Comparando as explicacións que nos dan as nosas fontes, designa, nuns sitios, enfermidade en xeral, noutros é unha enfermidade do ubre (que ás veces pode identificarse claramente cunha mamite ou cun edema mamario, pero que non sempre é tan evidente), noutros é unha enfermidade pulmonar (que alguén identifica cunha pneumonía), e noutros é unha inflamación do pescozo polo rozamento do xugo. Mesmo temos recollido o seu significado como espullas no ubre ou como vulto que lle sae á vaca na cara externa das patas. Con todo, a maior parte dos nosos informantes identifican a *palmoeira* como unha mamite, tanto directamente como en distintas formas derivadas (*apalmoeirar*, *palmoeirar*, *ubre palmoeira*, *coller palmoeira*, *ter palmoeira* etc). XER defíneo como: "Enfermidade das vacas que se manifesta por unha inflamación no ubre e unha hemorraxia no leite". Gro1 defíneo como "Ubre", o que nos parece un erro. (Arzón, Barre., Bidu., Calo, Cam2, Cast., Com1, Conxo, Corb., Couso, CReis2, Cruído, Dum., Figue1, Fri., Grixoa, Gro1, Lama, Lava., Lous., Mosen., Noal, Noalla, Nove., Oirós, PCal2, Pont., Pre., Razo, Rus, Saiar, Sisán, Somo1, Sou3, Tab1, TapiaC, Vboa., Vcova., Vxoán., XER).

7475 **palmueira 1** *s.f.* Ver PALMOEIRA 1 /7474. (Randu.).

7476 **panceira** *s.f.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Guil2).

7477 **pelmueira 1** *s.f.* Ver PALMOEIRA 1 /7474. (Cam4).

7478 **polmoeira** *s.f.* Ver PALMOEIRA 1 /7474. *A 'polmoeira', 'pulmoeira' ou 'polmoira' é o inchazo do úbere das vacas deica o embigo e a natura, que chega ao pulmón nos casos graves e causa a morte, se non se lles couta antes co 'caldo*

[104] Supoñemos que este *Leocodio* é un *Leocadio* modificado para conseguir rima interna.

de puxa de castañas', facendo-lle cruces cunha peseta de prata e agora con dosis de penicilina. 'Esta vaca ten polmoeira, que xa lle pasa o inchazo do úbere por diante do embigo e xa está envarada das patas' (Parade.:281). Cfr. nota a COITA /7245, en 8.2. *Patoloxía non identificada*. (Lendo, Parade.).

7479 **polmoira** *s.f.* Ver PALMOEIRA 1 /7474. (Parade.).

7480 **postura 1** *s.f.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Lagar.).

7481 **pulmoeira 1** *s.f.* Ver PALMOEIRA 1 /7474. (Baíñas, Com1, Consta., CTui, Dis., ERG, Laiosa, Macei., Negral, Pantón, Parade., Ped1, Peroxa, Piñe., PSeca, Razo, Sete-L, Veste., XER).

7482 **pulmoira** *s.f.* Ver PALMOEIRA 1 /7474. (Samos3, Sarria1).

7483 **pulmueira** *s.f.* Ver PALMOEIRA 1 /7474. (Burgo, Laxosa).

7484 **raxo 6** *s.m.* Endurecemento do ubre da vaca. (Antas, Antas3, Cadrón, Mon).

7485 **recaio** *s.m.* Mamite. A nosa fonte escribe *recayo*. Xudán1 descríbeo como: "Mamitis, endurecimiento del *remollo*, parálisis temporal patas y calentura" [sic]. Só nalgunhas formas de mamites estreptocócicas se presenta esa *parálise temporal* que cita o noso informante. (Vill-O, Xudán1).

7486 **solazo 2** *s.m.* Mamite. O noso informante explica que así chamaban á *mamite* antes de que os veterinarios impuxeran a denominación técnica. A información procede dun gandeiro orixinario do Valadouro. (Dozón).

7487 **tetoeira 1** *s.f.* Mamite. (Anda.).

7488 **veladuz** *s.f.* Planta herbácea coa que se refrega o ubre das vacas cando está inflamado. (Burón, Piquín).

7489 **veleruz** *s.m.* Ver VELADUZ /7488. (Suarna).

7490 ***mamitis** *s.f.* Ver MAMITE /7469. *¿Sería por iso que a cada parto sempre lle acompañaba unha mamitis que nos costaba máis de dez mil reás curarlle?* (XMC:31). (Codeso., Cre., Meira2, Ram., Ribe2, XMC, Xudán1).

7491 **famón de ubre** *s.comp.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. Esta voz ofrece dúbida. Inicialmente preguntámonos se non sería, máis ben, *flamón* ou *flemón* por flegmón (lémbrese que en Piñor recollemos *inflemación*). Pero temos *infamarse* en Cere., Fre., Rábade e Mon. referido a "endurecerse o ubre da vaca", polo que decidimos recoller *famón* tal como nos chega do noso informante. (Meir.).

7492 **mal da cipela** *s.comp.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Poulo, Vviño).

7493 **mal de ubre** *s.comp.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Viso1, Viso2).

7494 **mamite subclínica** *s.comp.f.* Mamite que non manifesta síntomas clínicos e só pode diagnosticarse por métodos de laboratorio. Resulta moi frecuente e causa graves prezuízos económicos. (CAGM).

7495 **mamites á sangre** *s.comp.f* Mamite septicémica. Dise cando o axente da mamite xa pasou ó sangue. (Gond., Nigr1).

7496 ***enfermedad do ubre** *s.comp.f.* Mamite, considerada como a enfermidade por antonomasia do ubre. (Estr3, Vi-Val).

7497 **lixo das vacas** *loc. s.* Ver LIXO 1 /7466. A nosa fonte descríbeo como que "se les inflama la ubre, echan porquería en la basura y ponen mal pelo". Clasificamos esta información como mamite con certas reservas. O cadro que describe Lis Quibén ben pode corresponder a unha mamite inmediata ó parto: inflamación do ubre, febre e secrecións pola vulva consecuentes ó parto (en Gond. denominan *botar vasura* a expulsión abundante de fluxos nunha metrite). Pero o problema xorde cando engade que "es producida por comer hierbas malas y mojadas, cuando trabajan", etioloxía que nada ten que ver coa mamite. Outro argumento para dar este diagnóstico é o feito de que Lis Quibén recolleu a información en Agolada, e unha das fontes que nos dan a voz *lixo* co significado de mamite é do mesmo concello. Engade o seguinte ensalmo que hai que recitar á vez que se fan cruces sobre o animal cunha navalla de aceiro: *Lixo crobal/ sal do animal;/ s'estás na sangre/ vente a carne;/ s'estás na carne/ vente o coiro;/ s'estás no coiro/ vente o pelo;/ s'estás no pelo vente o aceiro;/ s'estás no aceiro/ vente a terra*. Ó rematar tírase a navalla ó chan. Esta mesma operación hai que repetila dúas veces ó día durante oito días seguidos. (VLQ).

7498 **anabado 2** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Vi-Val).

7499 **aodrado** *adx.* [Ubre] inchado, falando, por exemplo, do ubre inflamado dunha vaca. (Seix).

7500 **arritado** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Pravio).

7501 **carnoso** *adx.* [Ubre] inflamado. (Vala1).

7502 **coxa 5** *adx.* Ver COXA DUN TETO /7517. (Noalla).

7503 **coxo 2** *adx.* [Teto] que queda sen leite a consecuencia dunha mamite. E da vaca que a padece dise que *quedou coxa*. (Noalla3).

7504 **empadoado** *adx.* [Ubre da vaca] endurecido a causa dunha mamite ou edema mamario. (Com1, Oirós).

7505 **empedrenido** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Neda).

7506 **empedreñido** *adx.* Ver EMPEDRENIDO /7505. (Negra.).

7507 **enfermo 2** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Taboa.).

7508 **enlousado** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Lama, Mond2, Neves, PAre., Porr., Randu., Viso1, Viso2).

7509 **escoxada 2** *adx.* Ver COXA DUN TETO /7517. Ver tamén ESCOXAR /6500. (Dozón).

7510 **inflado** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Suevos).

7511 **inflamada** *adx.* Ver INFLADO /7510. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Damil).
7512 **malo 1** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Burgo, Suevos).
7513 **odrado** *adx.* Ver AODRADO /7499. (Paíme).
7514 **palmoeira 2** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. O noso informante en Oroso 2 defíneo así: "Ubre palmoeira: cuando se hincha y no da leche". Obsérvese o uso do xénero feminino. (Oroso2).
7515 **pasmado** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Gro5, Lama).
7516 **coxa dos tetos** *loc. adx.* Ver COXA DUN TETO /7517. A nosa fonte defíneo simplemente como "vaca que deixa de dar leite". (MCouso).
7517 **coxa dun teto** *loc. adx.* [Vaca] que queda seca de algún teto, xeralmente a consecuencia dunha mamite crónica e posterior atrofia. (Común).
7518 **alixarse 1** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. A nosa fonte escribe *alisarxe*. (Boi.).
7519 **anabarrarse** *v.* Ver ANABARSE /7520. (Burón).
7520 **anabarse** *v.* Inflamarse [o ubre da vaca]. (Baña2, Burón, Ced., Estr3, Frei., Ibias1., Mondo1, Suarna, Troán1, VFrore., Xudán1).
7521 **añabarse** *v.* Ver ANABARSE /7520. (Vill-O).
7522 **apadiarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Lañas).
7523 **apadroar** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Laxe).
7524 **apalmoeirar** *v.* Ver PALMOEIRAR 1 /7553. Esta voz aparece como denominación de Noalla para "crece-lo ubre da vaca antes de parir". Pero nesa mesma localización *palmoeira* é mamite e, en consecuencia, definimos *apalmoeirar* como padecer mamite. (Noalla).
7525 **arretellarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Sende).
7526 **arretillarse** *v.* Ver ARRETELLARSE / 7525. (Negral).
7527 **empalarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Valad1).
7528 **empalearse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Morga).
7529 **empedrarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Valen).
7530 **empedrenirse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Vmaior).
7531 **empeixar** *v. Ú. t. c. prnl.* Endurecerse [o ubre da vaca]. As nosas fontes en Anca, Caa., Cervá1, Laraxe e Vilar dano como pronominal. (Anca, Caa., Cab., Cervá1, Cervá2, Laraxe, Vilar).
7532 **encadrullar** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (TapiaC).
7533 **encadullarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Medín).
7534 **encalexarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Goián).
7535 **encozarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Vixoán).
7536 **endurarse** *v.* Ver ENDURECERSE /7537. (Bolo, Peno.).
7537 **endurecerse** *v.* Poñerse duro [o ubre da vaca]. (Alla2, Gud.).
7538 **enflemar** *v.* Ver INFLAMAR /7546. (MCouso).
7539 **englousarse** *v.* Ver ENLOUSAR 1 /7540. (Mour1).
7540 **enlousar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Endurecerse [o ubre da vaca]. Tamén, simplemente, crece-lo ubre da vaca algún tempo antes de parir (MCouso). En Bar-Co., Verdu., Viso2 e Xeve é pronominal. (Bar-Co., Gaxate, Verdu., Viso1, Viso2, Xeve).
7541 **enlousare** *v.* Ver ENLOUSAR 1 /7540. (Fol-C).
7542 **entalarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Oroso1).
7543 **entesar** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Carr-G).
7544 **flamarse** *v.* Ver INFLAMAR /7546. (Zamáns).
7545 **inchar 3** *v. Ú. t. c. prnl.* Endurecerse [o ubre da vaca]. As nosas fontes escriben *hinchar* ou *hincharse*. En Vrei é pronominal. (Casal., Couce., Sabu2, Vrei.).
7546 **inflamar** *v. Ú. t. c. prnl.* Endurecerse [o ubre da vaca]. Guil2 e Lago dan *inflamar*; CarbCo, *inflamarlle*; Sabu3, *inflamouselle o ubre*; e Carño2, *inflamarse o ubre*. (Arroxo, Caban., CarbCo., Carbal., Carño2, Cervá2, Culle., Fara., Fre., Guil2, Lago, PSeca, Rábade, Rib-S, Ribe2, Sabu3, Valad2).
7547 **infleimarse** *v.* Ver INFLAMAR /7546. (Rama.).
7548 **inflemarse** *v.* Ver INFLAMAR /7546. (Lamas, Sabu3).
7549 **lixar** *v. Ú. t. c. prnl.* Endurecerse [o ubre da vaca]. En Santi. é pronominal. (Carde., Santi.).
7550 **lousarse** *v.* Ver ENLOUSAR 1 /7540. (Oliv).
7551 **padroar** *v.* Ver APADROAR /7523. (Razo).
7552 **palmoar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver PALMOEIRAR 1 /7553. Ribe1 recolle *palmoarse*. (Com1, Com4, Ribe1).
7553 **palmoeirar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Coller [a vaca] a *palmoeira* (mamite). Estr4 recolle *palmoeirarse*. (Alla2, Buga-A, Com1, Estr4, Lañas, Lous., Verdía, XER).
7554 **palmoer 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver PALMOEIRAR 1 /7553. (Arca, Vnova2).
7555 **palmueirarse 1** *v.* Ver PALMOEIRAR 1 /7553. (Lucí).
7556 **pulmoarse** *v.* Ver PALMOEIRAR 1 /7553. (Razo).
7557 **pulmoerarse** *v.* Ver PALMOEIRAR 1 /7553. (Vtose).
7558 **quiobrarse** *v.* Poñerse duro [o ubre da vaca]. (Porto).
7559 **raxar** *v.* Poñerse duro [o ubre da vaca]. (Antas3).
7560 **retellarse** *v.* Ver ARRETELLARSE /7525. (Camba).
7561 **andar coxa 1** *loc. v.* Coxear [unha vaca] como consecuencia dunha mamite. (Gond).
7562 **arrocha-lo leite** *loc. v.* Presentar [unha vaca] os síntomas da mamite ou do edema mamario. (Aranga).
7563 **coller o mor** *loc. v.* Endurecerse o ubre [da vaca]. A nosa fonte escribe *colle o mor*. Entendemos que neste sintagma *o mor* ocúltase a palabra *humor*, é dicir, que o presunto artigo *o* é

realmente unha apertura da vogal átona da palabra *humor*. Casos semellantes danse na toponimia (*O Xen* que procede de *Eugeni*; e *O Eixo* que procede de *Olegio*) nos que o *o* inicial acabou interpretándose popularmente como artigo (igual que pasou no *Grove*) e, en consecuencia, acabou separándose do resto da palabra. No mesmo concello de Abegondo rexistramos *ter more*, con e final paragóxico e onde o presunto artigo mesmo chegou a desaparecer. Lémbrese que os catro síntomas clásicos da inflamación son *humor*, *calor*, *color* e *dolor*, polo tanto, é perfectamente explicable que en Abegondo á inflamación do ubre lle chamen *humor* e que esa palabra acaben pronunciándoa como *o mor* ou simplemente como *mor(e)*. (Crendes).

7564 **coller palmoeira 1** *loc. v.* Ver TER PALMOEIRA 1 /7599. (Conxo, Cruído).

7565 **criar fervón** *loc. v.* Endurecerse o ubre [da vaca]. A nosa fonte escribe *ferbón*. (Mondo2).

7566 **criar muermo** *loc. v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Val-LE).

7567 **da-lo calbrazo** *loc. v.* Endurecérselle o ubre [á vaca]. (Car2).

7568 **encalla-la ubre** *loc. v.* Endurecérselle o ubre [á vaca]. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Cang3).

7569 **facer palmoeira 1** *loc. v.* Ver TER PALMOEIRA 1 /7599. (Vcova).

7570 **perderse o leite** *loc. v.* Ver RETIRARSE O LEITE 2 /7575. (Gond).

7571 **poñerse de lixo** *loc. v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Corre).

7572 **poñerse duro** *loc. v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Cer., Parga, Tabor).

7573 **poñerse naxo** *loc. v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Chan).

7574 **pórse duro o cochorro** *loc. v.* Ver POÑERSE DURO /7572. (PSil).

7575 **retirarse o leite 2** *loc. v.* Deixar de dar leite [unha vaca parida] por mor dunha mamite. A nosa fonte lematiza como *retirárselle o leite* e define exactamente como: "Retirársele la leche a la vaca parida si no se le da la leche cortada", definición que nos resulta incomprensible. Pode ser que cando falan de *leche cortada* estean refiríndose ó costro, que sabemos que algúns gandeiros acostuman darllo a beber á vaca en vez de deixárllelo mamar ó becerro como sería o procedente, pero o certo é que de non facelo a vaca non vai perde-lo leite nin moito menos coller unha mamite. (Sob., Toba).

7576 **secar dunha fonte** *loc. v.* Deixar de botar leite [unha vaca] por un teto, xeralmente a consecuencia dunha mamite. (Común).

7577 **te-la parálise 2** *loc. v.* Padecer [unha vaca] mamite. (Arc4, Nigr1).

7578 **te-la úbere dura** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /7586. Obsérvese o uso do xénero feminino. (VFrore.).

7579 **te-la ubre dura** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /7586. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Baltar).

7580 **te-las mamites** *loc. v.* Padecer [unha vaca] mamite. (Común).

7581 **te-lo lixo** *loc. v.* Endurecerse o ubre [da vaca]. (Agola., Com1, Cur., Gui., Sob).

7582 **te-lo mal do ubre** *loc. v.* Padecer [unha vaca] mamite, inflamación do ubre. (Común).

7583 **te-lo mamitis** *loc. v.* Ver TE-LAS MAMITES /7580. (Noalla3).

7584 **te-lo ubre anabado** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /7586. (Vi-Val).

7585 **te-lo ubre como unha pedra** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /7586. (Arme.).

7586 **te-lo ubre duro** *loc. v.* Te-lo ubre endurecido [unha vaca]. (Anseán, Bas., Burela1, Eixo, Rus).

7587 **te-lo ubre endurecido** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /7586. (Noal).

7588 **te-lo ubre enlousado** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /7586. A nosa fonte en Randu. escribe *ter o ubre enlousada*. (Lama, Mond2, Neves, PAre., Porr., Randu.).

7589 **te-lo ubre pasmado** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /7586. (Gro5, Lama).

7590 **ter amoso** *loc. v.* Porse tensa a pel do ubre [dunha vaca]. Temos *amoxo* co significado de ubre da vaca. (LG).

7591 **ter flamón** *loc. v.* Te-lo ubre inflamado e tenso [unha vaca]. (Lagar.).

7592 **ter lixo** *loc. v.* Ver TE-LO LIXO /7581. (Codeso., Cur., Cur1, Pedro.).

7593 **ter madrío** *loc. v.* Te-lo ubre duro [unha vaca]. (Oirán).

7594 **ter mal a ubre** *loc. v.* Padecer unha mamite. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Anca).

7595 **ter mamices** *loc. v.* Ver TE-LAS MAMITES /7580. (Sisán).

7596 **ter moito carnaso** *loc. v.* Te-lo ubre duro [a vaca]. (Vxoán).

7597 **ter more** *loc. v.* Te-lo ubre duro [a vaca]. Ver COLLER O MOR /7563. (Leir-A).

7598 **ter palmeira** *loc. v.* Ver TER PALMOEIRA 1 /7599. (Morai.).

7599 **ter palmoeira 1** *loc. v.* Padecer mamite. A nosa fonte en Noal defíneo como: "Ubre seco", que pode ser unha definición metonímica. Nós pensamos que se debe de tratar dunha vaca que tivo unha mamite (palmoeira) e agora, en consecuencia, ten o ubre seco. (Agro., Buga-N, Covas, Cunt2, Figue2, Fuxás, Lagar., Lampón, Noal, Ortoño, Pal., Ribad., SComba, Santi., Teo).

7600 **ter pedia** *loc. v.* Te-lo ubre duro [unha vaca]. (Cunt2).

7601 **ter postura** *loc. v.* Te-lo ubre tenso por mamite. (Lagar.).

7602 **ter pulmoeira 1** *loc. v.* Ver TER PALMOEIRA 1 /7599. (Abe., Carb3, Figue1, Lestón, Noice., Sofán).

7603 **ter pulmoira** *loc. v.* Ver TER PALMOEIRA 1 /7599. (Samos3).

7604 **ter pulmonía** *loc. v.* Ver TER PALMOEIRA 1 /7599. É estraña esta denominación. Ignoramos cal é a palabra orixinal entre estas dúas *palmoeira* e *pulmoeira* e cal é a etimoloxía da primeira. Ata onde nos levan os coñecementos actuais non vemos ningunha relación entre o pulmón e as disfuncións do ubre. O feito de que *pulmón* tamén se diga *pelmón* e que teñamos *polmonía* quizais influíu en que todo se mesturase ata o extremo de denominar *pulmonía* unha mamite, que é obviamente cousa distinta dunha pulmonía. E, no senso contrario, tamén temos recollido noutros sitios *palmoeira* co significado de enfermidade respiratoria. (Oza).

7605 **ter un calenturón** *loc. v.* Ter mamite. O ubre con mamite ten unha temperatura anormalmente alta. (Saln., Sou3).

7606 **ter un recalenturón** *loc. v.* Ver TER UN CALENTURÓN /7605. (Lama, PCal.).

7607 **valdarse do leite** *loc. v.* Coller unha mamite [unha vaca do monte] porque nin a moxen nin hai unha cría que mame nela. *As vacas, para podelas menxer, hai que separalas das crías, ou meténdoas nun cortello ou póndolles un buzo. No monte, cando se apartan as crías para un corral, as vacas botan oito días arredor do corral mirando prá cría e, cando perden a esperanza, vanse buscar vida. Cando lle levan as crías, algunhas volven ó sitio, cando lles aperta o leite. No monte, ó non menxelas, poden valdarse do ubre: collen unha mamites, botan porquería e algunha queda inútil de todo ou dun teto*. (Ctel1).

8.3.7.1. Coágulos no leite

Vimos ata aquí as denominacións da propia enfermidade. Vexamos agora as que fan alusión ós coágulos de leite que se poden apreciar ó muxir unha vaca enferma de mamite.

7608 **cachón** *s.m.* Coágulo de leite. (Mra.).

7609 **callón** *s.m.* Coágulo de leite, que se aprecia ó muxi-las vacas que padecen mamite. (Caa., Cab., Cam1, Com1, Cur., Laxe, Toba).

7610 **cirullo** *s.m. Ú. m. en pl.* Coágulo de leite cando son alongados. (PAre1).

7611 **torcida 1** *s.f.* Leite callado que bota a vaca que padece mamite, pola similitude coa torcida do candil. (Cam2, Gond).

7612 **tortullo** *s.m. Ú. m. en pl.* Coágulo de leite callado que bota a vaca que padece mamite. (PAre1).

7613 **pendexo do leite** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Coágulo que se forman no leite a consecuencia dunha mamite. (Gun).

7614 **acadullado** *adx.* [Leite] con coágulos como consecuencia dunha mamite. (Medín).

7615 **botar torcidas** *loc. v.* Expulsar [unha vaca] coágulos de leite ó muxila debido á mamite. (Cam2, Gond).

7616 **cortarse o leite** *loc. v.* Padecer mamite [unha vaca]. (Gond).

8.3.8. Micose

Recollemos entre as distintas micoses a **candidíase** ou **monilíase**, enfermidade causada pola *Candida albicans*, que en realidade é unha levadura e que pode aparecer nos animais despois de tratamentos de longa duración con antibióticos. Provoca infeccións bucais baixo a forma dunha estomatite.

Non é esta unha enfermidade común nin parece que o gandeiro a recoñeza. Cousa lóxica se temos en conta a dificultade diagnóstica derivada da súa sintomatoloxía tan pouco significativa. Só demos cunha voz, *larbio*, recollida en Piquín, e por forza temos que pensar na man dun veterinario na definición que nos dá Aníbal Otero: *Afección parasitaria de la mucosa bucal del ganado vacuno, producida por un agente vegetal, el 'Endomices albicans'*.


7617 **larbio** *s.m.* Micose da mucosa bucal do gando vacún. (Piquín).

8.3.9. Necrobacilose

8.3.9.1. Necrobacilose podal

Englobamos baixo esta epígrafe diversas patoloxías que se deben a infeccións no pezuño e que asentan en distintos puntos deste. Todas elas son consecuencia da infección de pequenas feridas e traumatismos

na planta do casco ou no espazo interdixital, é dicir, nas zonas do pé menos cornificadas e, polo tanto, menos protexidas. Ás veces son secuelas dunha glosopeda anterior. Actúan como factores predispoñentes o chan húmido, as pequenas feridas causadas pola palla dura, toxos, infeccións por fluxos puerperais etc. Caracterízanse pola aparición de focos necróticos e purulentos no suco coronario (liña de unión do pezuño coa pel: úlcera da coroa), na zona do rodete posterior do pezuño (necrobacilose podal, propiamente dita), ou, menos frecuentemente, no prego entre as dúas uñas (tumor do suco interdixital).



Vaca con lagartola, tarrón queimado á taxoula (Siro).

As diferentes causas coinciden en provocar unha reacción inflamatoria que se acompaña de necrose da pel, do rodete carnoso e da membrana queratóxena ou *sabugo*. Cursa sempre cunha tumefacción circunscrita, quente e moi dolorosa, que provoca claudicación do membro afectado e maior ou menor dificultade para a marcha e para o traballo, e pode chegar a producir necroses óseas e artrite pútrida, e mesmo a caída do pezuño.

Incluímos tamén baixo esta mesma epígrafe o que se denomina furúnculo interdixital ou, popularmente, *formigo*, unha inflamación séptica da derme do casco localizada no espazo interdixital, moito máis frecuente nas patas posteriores. A etioloxía e o tratamento é similar pero o prognóstico adoita ser máis grave.

Finalmente, outras voces designan unha forma especial de fractura e dexeneración do casco como *formigo, formigueiro etc.* Trátase tamén dun proceso patolóxico distinto da necrobacilose pero a similitude clínica e terapéutica aconsellan non facer máis distincións. Preséntase con máis frecuencia nos équidos e debe o nome a que cursa cunha destrución da substancia córnea do casco, que toma un aspecto *que lembra a terra dos formigueiros* segundo nos informa un gandeiro.

O tratamento contra estas infeccións do pezuño consiste na limpeza e desinfección da ferida, apertura do absceso e extirpación de tódalas partes necrosadas, seguido da necesaria protección da ferida para evitar calquera infección posterior.

Carte3 infórmanos de que, cando a úlcera é importante e a vaca non pode nin debe apoia-la pata, póñenlle un taco de madeira no pezuño san, porque ese taco, dándolle máis altura a ese cadril, impide que a pata enferma chegue ó chan e, así, a vaca camiña espontaneamente a tres patas. Cando a vaca pode apoiar, porque a úlcera é menor, só se lle pon unha venda, non precisa taco. É o podólogo quen valora a necesidade ou non do taco

Na medicina máxica os nosos labregos utilizaban outros métodos: apoiaban a pata na herba e cortaban todo arredor un terrón de herba, que poñían a secar enriba dunha parede (Cam1) ou pendurando na cheminea para que lle dese o fume (Figue1). En Santaia, a extracción do terrón de herba debíase facer antes de saí-lo sol ou despois de que se ocultase, e colocábano sobre a lareira (San.). En Callobre queimaban na lareira un terrón onde pisara a vaca (Callo.). O mesmo facían en Mundil, Ourense, coa particularidade de que o terrón

cortábano nunha encrucillada e logo poñíano no fumeiro (Mundil:135): segundo ía secando o terrón crían que ía curando a vaca. Estas fórmulas de *curación por simpatía* son tamén moi empregadas en medicina tradicional humana e baséanse na crenza de que se pode traslada-lo mal do enfermo a outra persoa, animal ou obxecto calquera [105]. Neste sentido, recolleremos dous refráns de evidente interese terapéutico que Llópiz escoita a cadanseu veterinario.

O entendido [106]

> Debo decir, en honor da verdade, que il, o Chanfainas, non se valía de meiguerías ou doutras parvadas polo xeito, como aquil que eu teño visto, que logo de bismarlle unha pata a unha vaca cavaba un terrón dándolle certa forma, e con toda solemnidade íbase a poñelo sobre a póla dunha cerdeira, adevertindo:
>
> -*¡Mirade, cando o terrón esteña seco, a vaca estará curada!*
>
> Quedándose a xente embobada sin acertar a comprender que o terrón tardaría máis ou menos en secar asegún o tempo que fixera.

En Sabucedo (Sabu2) métenlle as patas da vaca en salmoira ou en vinagre e mais sulfato diluído en auga. Tamén en Fuxás-Touro (Fuxás) e en Folgoso (Fol-C) cúrana con sulfato de cobre. En Callobre (Callo.) utilizan *auga de solfato* ou *gas* (quérese dicir petróleo ou gasoil), tamén utilizado en Carr-G3. Na Ramallosa (Lucí) empregan *Zotal* e *auga de sulfato*. Na Gudiña metíanlle no espazo interdixital unha mestura de pedralume con unto (Carr-G3 [107]).

> *A enfermidade denominada formigo tamén recibe o nome de lagartixa. É unha enfermedá que lle dá nos cascos, entre as uñas, solta coma faíscas, coma unha fariña blanca, que lle come os pés esa fariña... e despois nós, cuando están coxas, pois mirámolas e vemos que non tein clavos, areas, unha pedriña... entre as uñas, e si non tein nada e botan como esa fariña, pois botámoslle gasolina ou gasoil. Tamén había quen lle queimaba con pólvora. Desfacían un cartucho de escopeta, botaban a pólvora no pé e prendíanlle lume; aquello ardía rápido, queimáballe aquelo e sanáballe. Porque si o deixas, cuando te dás conta, tein os cascos comidos* [108].

Tamén na Gudiña utilizaban estoutro tratamento: *Para cando lle recocen os pés ás vacas, facer unha pochada de 'gordolobo' con unto. Hai que deixar o 'bolo' en repouso unha noite e logo meter a pochada entre as unllas da vaca* (Raiaseca:265 [109]).

En Dozón recorren directamente a mexar na pata enferma coa mesma intención terapéutica. Un gandeiro explicáballo así ó veterinario: *Tódalas mañás veño mexarlle na pata e non dá curado. Ten que ter moito mal* (Dozón).

Outro remedio tamén utilizado en Santaia é queimar un sapo e frega-los pezuños coa súa graxa (San.).

Lence Santar recolle en Rego dos Cas (da parroquia de Nosa Señora dos Remedios, Mondoñedo) o costume de facer lume nas cortes, se dan ó camiño, para previ-lo formigo do gando, así como para queima-las meigas e axota-lo trasgo (Mondo4:54).

No capítulo 8.6.2.2. veremos outros tratamentos ó falar das feridas no pezuño xa que moitos deles se empregan en calquera proceso patolóxico das patas.

7618 **cancrena** *s.f.* A nosa fonte descríbeo así: "Dase en todo tipo de animais. Os pes e as mans poñense máis grandes, como unha especie de inflamacións e teñen unhas úlceras". Facémo-lo diagnóstico con moitas reservas. Esas úlceras ás que fai referencia fainos pensar

---

[105] A universalidade deste tipo de tratamentos ofrécenola Mariño Ferro na descrición que toma de Aurelio de Llano (*Del folklore asturiano*, Instituto de Estudios Asturianos, Oviedo, 1977) do remedio que empregan os vaqueiros asturianos para cura-las vacas da glosopeda ou do *mal de orizo* (chaga entre as uñas): *Llevan la res al campo* [...] *y con un instrumento punzante trazan sobre la hierba una línea alrededor del pie, por lo cual queda marcada la figura de éste en el suelo. Después ahondan la línea y arrancan la tierra conteniendo dicha figura y la colocan en un agujero donde no se moje. A medida que se va secando la tierra, se seca el orizo* (XRMF2:38). Tamén recolle este tratamento Luciano Castañón, que engade o ensalmo que se debía recitar durante o proceso de curación: *Cuando se seque el campín, que se seque el oricín* (LC:303).

[106] GB3:63-71.

[107] A *pedralume* ou, simplemente, *alume*, é o sulfato dobre de aluminio e potasio, un sal mineral que se utilizaba en farmacia como cáustico e cicatrizante.

[108] Tras. Informante: Ricardo Domínguez Álvarez.

[109] *Gordolobo* é o nome castelán do verbasco, choupo ou seoane (*Verbascum thapsus*). Font Quer recolle o uso de follas desta planta, en coccións ou en emplastos, contra as frieiras e as gretas nas mans ou contra as hemorroides (FQ:606).

nunha necrobacilose pero ben pode ser unha glosopeda mal descrita. En calquera caso non é certo que aumente o tamaño dos pezuños. (Noia).

7619 **colliso** *s.m.* A nosa fonte descríbeo como "especie de uñeiro, unha cousa que se infecta". (Noia).

7620 **cheifa** *s.f.* Burato que se lles fai ás vacas nas unllas para que supuren o brume. (Hermi.).

7621 **escarcia** *s.f.* Enfermidade que carcome o pezuño do gando. A nosa fonte escribe *escarçia*, reproducindo así a sibilante. (Borre.).

7622 **espulla 2** *s.f.* Ver ESPUNLLA 2 /7623. (Burela1).

7623 **espunlla 2** *s.f.* Vulto pequeno que lles sae ás vacas entre as uñas. (Bas., Cam2, Verdía).

7624 **espuña 2** *s.f.* Ver ESPUNLLA 2 /7623. (Medín).

7625 **figo** *s.m.* A nosa fonte descríbeo como "cáncer del pie". (Noalla).

7626 **figueira 2** *s.f.* Ferida que se abre entre as uñas. O noso informante engade que, para curar ou *queimar* a *figueira*, facíase unha bóla con sulfato e manteca que se metía na ferida, tapándoa logo cun trapo. Tamén se empregaban para estas curas *aceite rustrido* ou touciño. O aceite rustrido botábaselle quente na ferida e tamén a graxa que desprendía o touciño espetado nunha *candieira* (gancio de uz) ardendo. (Hermi.).

7627 **fogaxe** *s.f.* A nosa fonte descríbeo como "heridas del ganado vacuno en las pezuñas". (Burón).

7628 **formeghillo** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. A nosa fonte escribe *formejillo*. (Vxoán).

7629 **formigallo** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. A nosa fonte descríbeo como "hormigueo en las patas del ganado vacuno". (Rábade).

7630 **formigheiro** *s.m. Ú. t. en pl.* Ver FORMIGO 1 /7635. Na documentación que manexamos, o noso informante en Ribe2 escribe esta voz con dúas grafías distintas: no caderno 119 (*Enfermidade que carcome a pezuña do gando*) escribe *formigeiros*, pero no 120 (*Outras enfermidades do vacún*), escribe *formijeiro*. (Ribe2).

7631 **formighillo** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. A nosa fonte escribe *formijillo*, excepto Bar-Co, que recolle *formigillo*. (Bar-Co., Dum., Fózara, Gaxate, Peroxa, Salv3, Sisán, Verdu., Viso1, Viso2).

7632 **formighiño** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. A nosa fonte escribe *formijiño*. (Abe., Cruído, SComba, Vtose).

7633 **formigho 1** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. As nosas fontes escriben *formigho* e *formijo*. (Leir-A, Rendal, San. ILG:58 (C:45, PO: 13)).

7634 **formighón** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. A nosa fonte escribe *formijón*. (Baíñas, Burela1, Cang3, Carr-C, CTui, Guil2, Lampón, Leir-A, Morga., Neves2, Oroso2, Pal., Sisán).

7635 **formigo 1** *s.m.* Enfermidade que carcome o pezuño do gando. O nome vénlle do proído no pezuño que lle produce a infección, o que impide que a vaca pouse a pata no chan. (Antas3, Caa., Cab., Carr-G3, Cazás, Ced., Com1, Cre., Culle., Feás-A, Gud., Gui., Incio, Mel1, Mez., Mon., Oirán, Oirós, Ped1, Peroxa, Razo, Rib-E, Sabu2, Sob., Tras., Vil. ILG:82 (C:24, LU: 31, OU: 15, PO:12)).

7636 **formigón** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. (Casal., Com1, Mosen., Sabu3, Vala).

7637 **formigueiro** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. (Cam1).

7638 **formiguillo** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. (Dum., Mra, Nove2, PSeca, PSil, Vrei., Xun.).

7639 **formiguín** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. (Laxe).

7640 **formiguiño** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. (Arzón, Macei., Negr2).

7641 **formixo** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. (Com1, Oroso2, Ribó).

7642 **fornigo 1** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. Aníbal Otero dá a seguinte definición: "Dolencia producida por un bicho que horada entre el casco y el *sabugo*". (Arroxo, Piquín, Rib-S, Suarna, Vill-O, Xudán1).

7643 **frunigo** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. (Vcova).

7644 **furmigho** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. A nosa fonte escribe *furmijo*. (Neda, Poulo, Valen., Vviño).

7645 **furmigo** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. (Callo).

7646 **furmigueiro** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. (Cam4).

7647 **furnigo** *s.m.* Ver FORMIGO 1 /7635. (Burón).

7648 **lagarta 1** *s.f.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. (Cere).

7649 **lagartina** *s.f.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. (Ram.).

7650 **lagartiña 1** *s.f.* Enfermidade que carcome o pezuño da vaca. En Mez. explícannos que é "carne viciosa nunha ferida na pezuña da vaca". En Mundil aplican o seguinte tratamento: *Cando unha vaca ten a 'lagartiña' (enflamazón da pezuña) lévase a unha encrucillada, cúrtase un terrón do grandor do pé doente, tráise o terrón e ponse no fumeiro; ô secarse o terrón, a vaca sandou* (Mundil:135). *Boi con lagartiña, manta queimada na fígoa* (VLLM). (Busta., Mez., Mundil, Vil., VLLM).

7651 **lagartixa 1** *s.f.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. Tamén nos proporciona esta voz o noso informante en Negral, pero o que describe parece ser unha inflamación dos ganglios linfáticos precrurais: "*Lurpia*: bulto en la parte alta de las patas delanteras; son pasajeros. Las *Lagartixas* son otros bultos situados aproximadamente en el mismo lugar de los anteriores pero sus consecuencias suelen ser mortales". É o que nós temos no apartado de *Linfoadenite* como *lagartos*. (Alla2, Cal., Com1, San., TapiaC, Tras.).

7652 **lagarto 3** *s.m.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. A nosa fonte defíneo como "ferida no casco da vaca". Ver tamén LAGARTO 6 /7682 en 8.3.9.2. (Enxames).

7653 **lagartola** *s.f.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. *Vaca con lagartola, tarrón queimado á taxoula*. (VLLM).

7654 **lagharta** *s.f.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. A nosa fonte escribe *lajarta*. (Fol-C, Fuxás).

7655 **laghartillo** *s.m.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. Non tendo ningunha explicación da nosa fonte vai aquí só por similitude. A nosa fonte escribe *lajartillo*. (Vxoán).

7656 **laghartiña** *s.f.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. A nosa fonte escribe *lajartiña*. (Lamas).

7657 **laghartiño** *s.m.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. A nosa fonte escribe *lajartiño*. (Sofán).

7658 **laghartixa** *s.f.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. A nosa fonte escribe *lajartixa*. (Ortoño).

7659 **largatón** *s.m.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. Parece unha metátese por *lagartón*, xa que a nosa fonte subliña a forma. O noso informante en Ben. dá *largatón* como ferida no casco da vaca, entre as uñas, e como sinónimo de *gabarro*. Seguramente se trata do mesmo proceso, polo que cremos que está mellor clasificado como necrobacilose, ademais de razóns de coherencia con outras voces semellantes. (Ben.).

7660 **moleta 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Calo interdixital nos bóvidos polo roce constante dos dedos que acaba ulcerándose e supurando. (Ver2).

7661 **morto 1** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "enfermidade que carcome a pezuña do gando". (Ben.).

7662 **mulleiro** *s.m.* Inflamación dos tecidos brandos na parte superior do casco. Noia lematízao en plural. A propia informante, vendo a enquisa orixinal, non exclúe que esta voz sexa realmente *unlleiro. Cando as vacas non poden andar moi ben, o dedo sale moito da uña, ou sexa, cando colle ao arredor das uñas*. (Noia).

7663 **pieira** *s.f.* Enfermidade dos pezuños das vacas. (ERG, Gud., Mez., Porto, VLLM, XER).

7664 **piteira** *s.f.* Ver CHEIFA /7620. (Hermi.).

7665 **pulla 2** *s.f.* Ver ESPUNLLA 2 /7623. (Cur.).

7666 **sabañón 3** *s.m.* Enfermidade que carcome o pezuño do gando. (Ortoño).

7667 ***lagartilla** *s.f.* Ver LAGARTIÑA 1 /7650. (Cast).

7668 **casco comido dos ratos** *loc. s.* Denominación descritiva que pretende explica-la orixe da necrobacilose: os ratos róenlle os cascos ó gando. (Cunt2).

7669 **ferida do ollo** *loc. s.* A nosa fonte defíneo como "enfermidade que carcome a pezuña do vacún". (Dum.).

7670 **afurmigada** *adx.* [Vaca] con *formigo*. Ver FORMIGO 1 /7635. (Incio).

7671 **aformigar** *v.* Padece-lo *formigo*. Ver FORMIGO 1 /7635. (Antas3).

7672 **aformighar** *v.* Ver AFORMIGAR / 7671. A nosa fonte escribe *aformijar*. (Arca, Carde).

7673 **formigar** *v.* Ver AFORMIGAR /7671. (Sabu3).

7674 **formighar** *v.* Ver AFORMIGAR /7671. A nosa fonte escribe *formijar*. (Cerd2, Tab1).

7675 **formighear** *v.* Ver AFORMIGAR /7671. A nosa fonte escribe *formijear*. (Rib-E).

7676 **supura-lo casco** *loc. v.* Deitar brume o casco [dunha vaca] cando o ten enfermo. Zolle di *supura-los cascos*. (Mosen., Zolle).

7677 **te-lo formigo 1** *loc. v.* Ter unha enfermidade que ataca os cascos, coméndoos. As vacas non poden estar quietas e patean pola dor. (Cazás).

7678 **te-lo furmigho** *loc. v.* Ver TE-LO FORMIGO 1 /7677. A nosa fonte escribe *ter o furmijo*. (Neda).

7679 **te-los cascos carcomidos** *loc. v.* Padece-lo formigo. (Morai.).

7680 **ter peste** *loc. v.* Supurarlle os cascos [á vaca]. (Salv3).

Boi con lagartiña, manta queimada na fígoa. (VLLM:1,155) [110]

Vaca con lagartola, tarrón queimado á taxoula. (VLLM:1,155) [111]

Boi de moito lameiro, tremón e choqueiro. (VLLM:1,134) [112]

[110] Llópiz explica que *lagartiña* ou *lagartola* é o *panadizo* ou inflamación dunha chaga aberta no casco da vaca (*taxoula/texoula*), e *fígoa* é unha chaga enconada. Engade tamén que é remedio dos albéitares e que o recolle en Ferrol do prof. veter. V. Muñiz.

[111] Llópiz: *á*; explica que outro remedio dos albéitares para as chagas dos cascos consistía en aplicar un terrón con céspede fresco e as súas raíces sobre a chaga enconada. Recólleo tamén de F. Monroy.

[112] Llópiz recólleo na est. pecuaria de Fingoio e explica que o exceso de humidade prodúcelle a *pieira* (caracterizada por ter un andar tremento e torpón). Llópiz tamén engade (se ben isto xa sexa moi discutible) que a exclusiva mantenza de pasto prodúcelle *as sapas* nas enxivas que lle alteran a boa dixestión (Cfr. epígrafe 8.5.7. *Estomatite*).

8.3.9.2 Necrobacilose nos cornos



Necrobacilose nos cornos. (*Criaturas*. Pórtico. TVG).

7681 **furmiguillo** *s.m.* Aníbal Otero defíneo como "Especie de bicho que horada los cuernos del ganado vacuno". Baixo a denominación de *formigo*, con numerosas variantes, temos recollida en case toda Galicia unha enfermidade dos cascos que identificamos como necrobacilose podal, pero esta información de A. Otero é a única que localiza o proceso nos cornos. (Piquín).

7682 **lagarto 6** *s.m.* Dexeneración do corno producida por unha infección no sabugo. (Grou3).

8.3.10. Pneumonía

Agruparemos aquí tódalas enfermidades respiratorias que cursan con inflamación do pulmón ou das vías respiratorias, ou ben dos seus diferentes tecidos ou estruturas, de orixe bacteriana, vírica ou parasitaria, xa que nos resulta imposible diferencia-las causas e as estruturas afectadas. En xeral, cursan con dificultade respiratoria, tose, fatiga e exudación nasal, ademais dos síntomas xerais como febre e somnolencia e, á medida que avanza o proceso, decaemento, diarrea e deshidratación. Constitúe un dos principais problemas patolóxicos dos becerros (nos que se coñece popularmente como *enfermidade do transporte*), complicándose as máis das veces con diarrea (enterite), nun cadro clínico denominado tecnicamente pneumoenterite [113]. Nos adultos, o proceso pneumónico máis característico é a chamada *peripneumonía*. Outra enfermidade respiratoria de gran trascendencia económica e que presenta en España unha prevalencia do 30%, é a *rinotraqueíte infecciosa bovina* (IBR), de orixe vírica, que cursa tamén con subfertilidade e aborto.

En Reboredo-Sarria (Sete-S) usan a *ciridonia* contra a pulmonía e a semente ou grá de *carvea* para a curación dos catarros do gando [114]. En Louredo (Marín) danlle a beber auga de coce-la camisa dunha cobra. Volveremos a mencionar este remedio ó falar da tose.

[113] Tan elevado é o risco de enfermidade que nas feiras danlles sempre un tratamento preventivo antes de carga-los becerros no camión.

[114] A *ciridonia* ou celidonia (*Chelidonium majus*) posúe efectos rubefacientes e vesicantes por uso externo, polo que adoita utilizarse o seu zume amarelo para elimina-las espullas, tanto na xente coma no gando. De aí lle vén o nome común de *herba das espullas*, recollido tamén en portugués, castelán e catalán. Tamén é antiespasmódico e sedante en uso interno, o que a fai indicada contra a asma, se ben está desaconsellada pola súa toxicidade. García Sanz, no seu libro sobre as *Plantas curadoras en el Camino de Santiago comunes al hombre y ganado*, non recolle para esta herba ningún uso contra as enfermidades respiratorias do gando (AGS:94).
Da carvea ou alcaravea (*Carum carvi*) só sabemos que ten propiedades tónicas e carminativas, tanto en humana como en veterinaria. Dáselle ó gando para provocar e aumenta-la lactación.

En Cambados (Camb1) utilizan os vapores das follas novas dos eucaliptos para tratar calquera doenza da gorxa, tanto na xente -o que resulta común en toda Galicia [115]- como no gando (Castre.). No mesmo lugar temos recollido o uso de auga de ferver follas de eucalipto, xa morna, por vía interna; ou en Cabanelas, onde lle dan a beber auga de nogueira e eucalipto (Caban.).

7683 **almonía** *s.f.* Pneumonía, a enfermidade respiratoria máis frecuente dos becerros. (Cam2).

7684 **mormo 1** *s.m.* Catarreira, tanto no gando como na xente. Danlle este nome por similitude co *mormo* do gando equino. (Gud., Ver4).

7685 **palmoeira 7** *s.f.* Enfermidade respiratoria que as nosas fontes identifican cunha pulmonía. O noso informante en Oroso1 defíneo como: "Enfermedad pulmonar cuyos síntomas son: fuerte tos, falta de apetito, tristeza, lágrimas". Algo parecido din en Baltar: "Se lle forman legañas, tos forte, e perden a fame; choran". Tamén en Verdu. é pulmonía. Pero non debemos esquecer que outra información recollida tamén en Oroso (Oroso2) utilizaba esta voz como enfermidade do ubre: "*Ubre palmoeira*: se hincha y no da leche". (Baltar, Oroso1, Verdu).

7686 **palmonía** *s.f.* Ver PULMONÍA /7693. (Ortoño, San.).

7687 **palmunía** *s.f.* Ver PULMONÍA /7693. (Com1, Sob).

7688 **pasmo 3** *s.m.* Pneumonía. Úsase tamén na loc. *Ter un pasmo*. (Pont.).

7689 **perilla 2** *s.f.* Moco que lle pinga ó becerro con pneumonía. (Cam2).

7690 **plumonía** *s.f.* Pulmonía. Comprobamos que no orixinal do cuestionario de Noalla está escrito claramente *plumonía* (está escrito a máquina). Pero debemos sinalar que tamén puidemos detectar neste mesmo informante diversos erros mecanográficos, como *vada* por vaca, *ñeche* por leche, *pewebre* por pesebre, *cooor* por color etc., polo que non pode descartarse que este sexa outro. (Noalla).

7691 **pneumonía** *s.f.* Inflamación aguda dos pulmóns. (XER).

7692 **polmonía** *s.f.* Pulmonía. (Com1, Cur., ERG, Goián, Gro1).

7693 **pulmonía** *s.f.* Pneumonía. As explicacións que temos son de Callo.: "como a de unha persona", de Gaxate: "pulmonía", e de Rábade: "la misma enfermedad que en las personas". (Arroxo, Callo., Cod., Com1, Crendes, Dum., Frei., Gaxate, Gud., Gui., Laxe, Laxosa, Rábade, Sob., Sou3, Veste., XER, Xudán1).

7694 **cargación na cabeza** *s.comp.f.* Síntoma da pneumonía bovina, que produce unha conxestión nas vías respiratorias altas similar á catarreira humana forte. (Lama).

7695 **te-lo cambio** *loc. v.* Padecer desacougo un bovino, maiormente os becerros, a causa do traslado desde e para as feiras, que, debilitando as súas defensas, chega a causar pneumonía. (Sete.).

8.3.11. Onfalite

Tamén chamada **onfaloflebite**, é unha infección do embigo do becerro e a formación subseguinte dun absceso subcutáneo flutuante, provocada xeralmente pola falta de hixiene no momento do parto ou nos primeiros días da súa vida. Hai que ter en conta que o embigo nese momento é semellante a unha ferida aberta e que as posibilidades de infección son moitas, o que representa un elevado risco en caso de hixiene defectuosa, chan da corte húmido e sucio así como o costume dos becerros de lamberse o embigo.

Os síntomas aparecen xa ós 2-5 días de idade. Maniféstase con dor local e inflamación [116], que bota brume á presión. Aínda que por veces a infección se complica cun proceso séptico xeralizado, de prognóstico fatal, ou unha poliartrite, tamén de difícil solución, o máis frecuente é que soamente sexa un absceso localizado na zona umbilical coa correspondente supuración.

Non atopamos ningunha denominación popular para designar esta enfermidade, pero si os seguintes tratamentos tradicionais.

Para evitar que a vaca ande a lambe-lo embigo do becerro, untan este con bosta (Arc1). Non podemos menos que destaca-lo perigo desta práctica que pode causar ou agravar precisamente a enfermidade que trata de evitar, pero tamén sabemos que en tempos se utilizaba en terras de Sarria ou na illa de Ons a bosta para curar queimaduras da xente ou a *erisipela* (ver 8.10. *Os produtos da vaca na terapéutica popular*).

[115] Todos tivemos ocasión de diferenciar entre as follas novas (aovadas, sentadas, opostas, glaucas) e as follas definitivas (alternas, pecioladas, falciformes e dunha cor verde azulenta). A pesar do que nos din en Cambados, e noutros moitos lugares, son preferibles para as vaporizacións ou como antiséptico de uso externo as follas adultas, moito máis ricas en aceites esenciais: cineol e eucaliptol.

[116] O que o diferencia dunha hernia umbilical, xa que esta non provoca dor nin se nota quente ó tacto.

Cando o embigo está infectado e, como consecuencia, inflamado póñenlle parches de auga quente (Arc1). Con iso conséguese un lavado da zona e unha hiperhemia local que proporciona máis defensas, se ben como remedio terapéutico resulta totalmente insuficiente.

8.3.12. Tuberculose

Enfermidade infecto-contaxiosa, de curso crónico, caracterizada pola aparición de lesións exudativas ou proliferativas (nódulos tuberculosos) nos distintos órganos do corpo. Nos bóvidos case sempre se localizan nos pulmóns e con menos frecuencia no fígado, riles, serosas e mamas. No caso da tuberculose pulmonar, os síntomas característicos son a dificultade respiratoria, a tose persistente e a inflamación dos ganglios linfáticos rexionais correspondentes (os *lagartos*). O axente etiolóxico é o *Mycobacterium bovis*.

É transmisible ó home, principalmente a través do leite e dos seus derivados.

A tuberculose está incluída nas Campañas de Saneamento Gandeiro que, desde 1990, se aplican obrigatoriamente a todo o gando bovino, ovino e caprino e prohiben a vacinación e o tratamento contra a enfermidade. O programa baséase no control serolóxico de tódolos exemplares de máis de 6 semanas e o sacrificio obrigatorio dos animais positivos

Os resultados do programa de erradicación na Comunidade autónoma galega, referidos ó ano 2004, son os seguintes [117]:

Saneamento gandeiro											
Positividade en explotacións											
		Tuberculose		Brucelose		Leucose		Peripneumonía		TOTAL	
Explotacións saneadas		nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
A Coruña	22.797	37	0,162	22	0,097	0	0,000	0	0,000	59	0,259
Lugo	20.886	182	0,871	40	0,192	0	0,000	0	0,000	222	1,063
Ourense	4.134	14	0,339	25	0,605	3	0,070	0	0,000	42	1,016
Pontevedra	9.772	33	0,338	11	0,113	0	0,000	0	0,000	44	0,450
GALICIA	**57.589**	**266**	**0,462**	**98**	**0,170**	**3**	**0,070**	**0**	**0,000**	**367**	**0,637**

Positividade en reses											
		Tuberculose		Brucelose		Leucose		Peripneumonía		TOTAL	
Reses saneadas		nº	%	nº	%	nº	%	nº	%	nº	%
A Coruña	317.927	226	0,071	135	0,042	0	0,000	0	0,000	361	0,114
Lugo	384.115	719	0,187	123	0,032	0	0,000	0	0,000	842	0,219
Ourense	33.277	61	0,183	62	0,186	3	0,009	0	0,000	126	0,379
Pontevedra	89.043	98	0,110	17	0,019	0	0,000	0	0,000	115	0,129
GALICIA	**824.362**	**1.104**	**0,134**	**337**	**0,041**	**3**	**0,010**	**0**	**0,000**	**1.444**	**0,175**

▸ FONTE: Consellería do Medio Rural, 2004; páx. 144.

En Carr-C aseguran que a tise conduce a padece-la *faixa*, e din que a vaca *está picada do pulmón*. Tamén en Callobre (Callo) chaman *faixa* á tuberculose, e consideran que é unha enfermidade incurable.

Aínda que hoxe estea practicamente extinguida tivo que ser frecuente hai tempo no noso gando. Así temos recollidos un par de trucos dos gandeiros en relación con esta enfermidade: para enganar un comprador inexperto e venderlle unha vaca enferma danlle unto e frótana cunha rama das patacas (supoñemos que para disimula-la faixa), pero aínda así recoñecen que lle dura pouco. Na situación contraria, cando é o tratante quen compra e quere facer pasa-la vaca como tuberculosa, e así pagar moito menos do que vale, provócanlle a tose apretándolle o *garguelo* (no da gorxa), simulando que a están explorando, e atribúen esa tose á suposta enfermidade [118].

[117] A prevalencia da tuberculose en anos anteriores era de 0,43% en 2003, 0,52% en 2002 e 0,56% en 2001. As cifras globais en España nese mesmo ano 2004 eran do 1,80%, cun máximo do 7,59% en Murcia ou 7,19% en Castela-A Mancha; por debaixo das cifras galegas estaban Asturias (0,24%) e o País Vasco (0,22%) (datos tomados do Programa Nacional de Erradicación da Tuberculose bovina 2007).

[118] Con esta acción, ó preme-las cartilaxes da larinxe, o tratante consegue excita-la mucosa larínxea e provoca-la tose como un acto reflexo. Outra forma de consegui-lo mesmo efecto é tapa-las ventas cun pano durante uns segundos.

Témo-la impresión de que a denominación popular máis común para designa-la tuberculose é a xenérica *tose*. Aínda así, o lector poderá observar no listado de voces que seguen que esta voz está aboada por un único informante, contradición que merece unha explicación. Entre as 130 preguntas que contiña o cuestionario do ILG incluía 27 para buscar denominacións a diferentes procesos patolóxicos máis ou menos definidos [119]. Unha delas preguntaba por denominacións da enfermidade pulmonar da vaca caracterizada por accesos de tose, buscando previsiblemente formas de denomina-la tuberculose. Dúas razóns avalan esta suposición: unha, que ningunha outra pregunta admitía respostas para esta enfermidade, e dúas, que non parece lóxico que os autores do cuestionario esqueceran preguntar por ela, sendo como era aínda frecuente nos anos sesenta, cando se deseñou o cuestionario; así que podemos asumir esa intención para esta enquisa. Pero, sendo rigorosos e plantexada así a pregunta, esa descrición non nos permite facer un diagnóstico cabal de tuberculose, xa que os *accesos de tose* non son exclusivos nin patognomónicos da tuberculose. Por iso preferimos non da-las respostas recollidas para esta cuestión (*tose* e variantes) como tal enfermidade e clasificalas dentro do capítulo 8.8. sobre *Síndromes e outras patoloxías non clasificadas*. Así, cómpre advertir que é moi probable que moitas das voces dese capítulo si que designen unha tuberculose na mente do informante pero nós non temos forma de sabelo [120].

Ata tal punto parece estar identificada a *tose* coa tuberculose que existe unha fórmula de cautela no trato, expresada como *tose-gota-escornar*, que establece as dúas enfermidades (tuberculose e epilepsia) e un defecto de comportamento (*escornar*) que se consideran vicios redhibitorios e que invalidarían a venda se se presentaren [121].

7696 **bertuculosis** *s.f.* Tuberculose. (Com1).

7697 **tise** *s.f.* Tuberculose. (Leir-A).

7698 **tises** *s.f.* Tuberculose. (Anca, Aranga).

7699 **toberculosis** *s.f.* Tuberculose. (Com1).

7700 **tos 3** *s.f.* Tuberculose. Xa explicámo-las razóns para non considerar *tos* como denominación da tuberculose, pero no caso do informante de Figue1 si que temos unha descrición suficientemente clara para supoñer que si está a falar desta enfermidade, razón pola que separamos esta voz do resto: "*Tos*: El animal tose, pero generalmente el animal come normal e incluso trabaja con buen rendimiento. Si es tos crónica entonces no comen y mueren esqueléticas". (Figue1).

7701 **trubeculosis** *s.f.* Tuberculose. (Vala).

7702 **tuberculose** *s.f.* Enfermidade proliferativa, especialmente do aparato respiratorio, transmisible ó home. (Carño2, VFrore.).

7703 ***tisis** *s.f.* Tuberculose. (Abe., Arca, Buga-N, Busta., Crendes, Cunt2, Lañas, Meir., Sisto).

7704 ***tuberculosis** *s.f.* Tuberculose. (Agro., Baltar, Car2, Cod., Com1, Crendes, Fara., Fózara, Gud., Lous., Meira2, Oirán, Oroso1, Oroso2, Porto, Ram., Rama., Razo, Somo1, Vala., Verdía, Vill-O).

7705 **mal do peito** *s.comp.m.* Tuberculose. (Gro1).

7706 ***enfermedad de pulmón** *s.comp.f.* Tuberculose. Pola información que temos cremos que pode tratarse efectivamente dunha tuberculose, pero outras enfermidades respiratorias tamén poderían dar esa sintomatoloxía. O noso informante explica o seguinte: "Los síntomas mas caracteristicos son accesos de tós. Se cura sometiéndole a un regimen alimenticio a base de heno, paja, agua caliente con harina y procurando que no se moje". (Fol-C).

7707 **picada 1** *adx.* [Vaca] afectada pola tuberculose. (Ced., Sob., XER).

7708 **tísica** *adx.* [Vaca] afectada pola tuberculose. O noso informante en Noia defíneo como "vaca delgada que bota sangue pola boca". (Barre., Fol-LE, Noia, Piñei2, Piñor).

7709 **tuberculosa** *adx.* [Vaca] afectada pola tuberculose. (Barre., Burgo, Caban., Carbal., Fol-LE, Mondo2, Peno., Piñe., Rib-S, Val-LE, Veste., Vrei.).

7710 **agarrada ó pulmón** *loc. adx.* [Vaca] enfaixada e que ten os *lagartos* (adenite). Crese que teñen o pulmón pegado á caixa. Clasificámola como tuberculose polos síntomas (a adenite é característica de enfermidades crónicas, e

[119] Máis outra que, a modo de caixón de xastre, preguntaba por *outras enfermidades do gando*.

[120] De feito, a enquisa obtén para esta pregunta 23 respostas diferentes que nós clasificaremos, polas razóns anteditas e por similitude con outras informacións mellor descritas, en cinco cadros diferentes: como *síndromes e outras patoloxías non clasificadas* (no caso de *tos, tos aos bronquios, tose, tuse, toser a vaca, toxer, tusir* ou *ter tos*, familia léxica que se localiza en 124 lugares diferentes no ámbito da enquisa do ILG), como *tuberculose* (no caso de *tise, tises, tisis, tuberculosis, agarrada, picada ao pulmón, tísica, tocada por dentro, tuberculosa*, familia que se localiza en 35 lugares), *pneumonía* (no caso de *palmoeira*, *pulmoeira* e *pulmonía*, familia que se localiza en 10 lugares), *glosopeda* (no caso de *dous pelos* e *faixa*, localizadas en 5 lugares) e *dispnea* (no caso de *estar asmada*, cunha única localización).

[121] Sabemos que no trato se tiña en conta a tuberculose como vicio redhibitorio aínda cando lendo ó pé da letra o Código Civil non tiña base legal, ó tratarse dunha enfermidade contaxiosa, que se excluían expresamente: *Non serán obxecto do contrato de venda os gandos e animais que padezan enfermidades contaxiosas. Calquera contrato que se fixere respecto a eles será nulo* (art. 1.494).

entre elas a tuberculose) e por esa descrición do informante do *pulmón pegado á caixa*, que se corresponde cunha inflamación da pleura, frecuente na tuberculose, aínda que cando a designa como *vaca enfaixada* non podemos descartar que estea designando unha glosopeda. (Cam1).

7711 **picada ó pulmón** *loc. adx.* Ver PICADA 1 /7707. (Consta.).

Un consello [122]

-¿Vendéche-la vaca, Antón? [123]
-Vendín, e Dios vaia con ela. [124]
-¡Home, vende-la Marela [125]
sendo de tal condiceón!
-Boeno... verás: como ser
a vaca non era mala,
pro, tíñache que coidala
inda millor que á muller; [126]
porque dende o ano pasado [127]
collera ela unha tosiña [128]
que me daba mala espiña
e tíñame desgustado.
Leveina onda o manciñeiro [129]
do Canizo, e díxome il [130]
que se danou co chancil [131]
na parte do tragadeiro, [132]
e que como era por drento
onde tiña a enfermedá, [133]
que se non pudía xa [134]
empregar ningún ingüento.
Dispois, cuase non comía [135]
e íbase pondo moi fraca [136]
e, tuse que tuse, a vaca
estaba pior cada día.
Leite, xa cuase non daba; [137]
e traballar, nin xiquera
inda a canga non puxera [138]
xa parece que abafaba
i entón, dixen eu pra min, [139]
canto antes hai que vendela,
senón non van dar por ela
nin chavo; e fun e vendín.

8.3.13. Vexigas

As vexigas da vaca eran un proceso vírico, de natureza benigna, caracterizado polas clásicas pústulas nos tetos e ubre, ou no escroto nos machos. A enfermidade era moi contaxiosa para o home que munxía ou coidaba estes animais enfermos, pero nel non se producían as vexigas humanas, moito máis graves (a mortalidade na xente era dun 30% na forma común da enfermidade) [140].

---

[122] PL2: 4. Pódese consulta-la poesía completa no capítulo 16. *A vaca na literatura*.
[123] No texto: *Vendéchel-a*.
[124] No texto: *vaya co'ela*.
[125] No texto: *vendel-a*.
[126] No texto: *qu'á*.
[127] No texto: *dend'o*.
[128] No texto: *coller'ela*.
[129] No texto: *und'o*.
[130] No texto: *d'o, díxom'íl*.
[131] No texto: *c'o*.
[132] No texto: *n-a, d'o*.
[133] No texto: *tiñ'a*.
[134] No texto: *xá*.
[135] No texto: *Dispóis*.
[136] No texto: *ívase*.
[137] No texto: *xá*.
[138] No texto: *ind'a*.
[139] No texto: *y-entón*.
[140] A loita institucional e organizada contra a varíola comenzou en 1959, cando a Organización Mundial da Saúde (OMS) converteu a erradicación desta enfermidade no seu principal obxectivo. O 8.05.1980 a XXXIII Asemblea da OMS declarou extinguida esta enfermidade a nivel mundial (aínda así, en España continuaba constando entre as enfermidades animais de declaración obrigatoria en 1986). O último caso de infección natural, en seres humanos, ocorrera en Somalia en 1977, aínda que en 1978 houbo outro caso en Inglaterra por infección a partir de cultivos de virus no laboratorio. O almacenamento do virus da varíola restrinxiuse a dous laboratorios de referencia da OMS, un nos Estados Unidos (o CDC) e outro en Rusia, e máis de 30 países teñen reservas da vacina contra a varíola como parte dos seus plans de prevención, se ben xorden esporadicamente voces que piden a destrución de tódalas mostras do virus en previsión dun hipotético uso bélico ou terrorista.

7712 **empinxas 2** *s.f.pl.* Ver VEXIGAS /7713. (CLam3).
7712b**vesighas** *s.f.pl.* Ver VEXIGAS /7713. (Ribe2).
7713 **vexigas** *s.f.pl.* Enfermidade infecciosa caracterizada por bochas na pel. (Noalla).
7714 **vexighas 1** *s.f.pl.* Ver VEXIGAS /7713. (Verdu).

8.3.14. Encefalopatía esponxiforme bovina (enfermidade das vacas tolas)

Trátase dunha enfermidade dexenerativa do sistema nervioso central, propia do gando vacún, e caracterizada pola aparición de síntomas nerviosos, progresivos –non sempre evidentes- de onde lle vén a denominación popular de "enfermidade das vacas tolas". Tamén se coñece, sobre todo na bibliografía técnica, polas siglas da súa denominación española: EEB, ou inglesa: BSE (*Bovine Spongiform Encephalopathy*, popularmente *mad-cow disease*).

A enfermidade está causada por unha proteína infecciosa, chamada *prión* (de ***pr**oteinaceus **i**nfectious particle* + **ón**), transmitida ás vacas a través de fariñas de ósos e doutros restos procedentes de cadáveres de animais enfermos, principalmente ovellas, utilizados para "enriquecer" os pensos das vacas. Esta práctica non previu a supervivencia dos axentes infecciosos nos pensos fabricados con esas materias primas e deu lugar á aparición da enfermidade que comezou a desenvolverse no Reino Unido a partir de 1981. De feito, en canto se prohibíu o seu uso na alimentación do gando, comezou a diminuí-la epidemia.

Está relacionada con outras enfermidades neurodexenerativas coñecidas de antigo, como o *scrapie* das ovellas ou o *kuru* humano, entre outras encefalopatías esponxiformes humanas.

O *prión* provoca a destrución das neuronas e a formación de vacuolas no tecido nervioso cerebral, que adopta un aspecto de esponxa. O período de incubación é duns 4-5 anos [141], por iso só se presenta en animais adultos, e os síntomas consisten en cambios de comportamento (con agresividade), incoordinación de movementos e aumento da sensibilidade ante ruídos e golpes. A súa evolución é irreversible e mortal, e a morte acontece antes dos dous meses da aparición dos primeiros síntomas.

Foi diagnosticada oficialmente por vez primeira no Reino Unido en 1986 [142] (a primeira publicación sobre esta enfermidade data de 1987), pero tardáronse anos en tomar medidas de control eficaces [143]. Así, animais enfermos e pensos contaminados foron exportados desde Gran Bretaña ó resto de Europa (e do mundo) provocando casos da enfermidade en Irlanda en 1989, en Portugal e Suíza en 1990, en Francia en 1993, estendéndose a enfermidade progresivamente a outros países ata chegar a España no ano 2000. Hoxe non queda ningún país europeo no que non se presentase algún caso [144].

Casos de encefalopatía esponxiforme bovina											
País	**Ata 1995**	**1996-2000**	**2001**	**2002**	**2003**	**2004**	**2005**	**2006**	**2007**	**2008**	**2009**
Alemaña	4	9	125	106	54	65	32	16	4	2	2
Austria	0	0	1	0	0	0	2	2	1	0	0
Bélxica	0	19	46	38	15	11	2	2	0	0	0
Canadá	1	0	0	0	2	1	1	5	3	4	1
Rep. Checa	0	0	2	2	4	7	8	3	2	0	2
Dinamarca	1	1	6	3	2	1	1	0	0	0	1*
Eslovaquia	0	0	5	6	1	7	3	0	1	0	---
Eslovenia	0	0	1	1	1	2	1	1	1	0	0

[141] O abano de tempo é moi amplo, comprobándose períodos de incubación que oscibalan entre os 16 meses e os 8 anos. En calquera caso, isto significa que se trata dunha enfermidade propia de animais adultos, por riba dos 3-5 anos de idade, idade media que vai aumentando co paso do tempo ó adoptarse medidas de control da transmisión da enfermidade: os datos epidemiolóxicos europeos mostran que a idade mínima dos animais afectados era de 28-29 meses no ano 2001, de 24-32 no ano 2002, de 36 no 2003 e de 42 no ano 2004.

[142] Sobre animais mortos en 1985 e algún caso probable de 1984.

[143] O Reino Unido retirou as fariñas animais na alimentación dos ruminantes en 1988, ante as sospeitas evidentes de estaren relacionadas coa epidemia, pero seguiu exportándoas a Europa ata 1994, cando foron prohibidas en toda a Unión Europea; nese momento, os ingleses levaban xa máis de 125.000 vacas enfermas. Ata marzo de 1996, a Comisión Europea non prohibiu a exportación desde o Reino Unido de todo tipo de gando bovino, a súa carne e os produtos derivados, o que permitiu a súa expansión. E foi en maio de 1997 (10 anos despois de diagnosticarse) cando a mesma Comisión aprobou o primeiro plan de acción coas medidas a adoptar polos Estados membros para erradica-la enfermidade. Ata o ano 2001 non se prohibiu o uso de fariñas de carne e ósos na alimentación de calquera animal de abasto destinado ó consumo humano (ata entón só estaban prohibidas na alimentación dos ruminantes).

[144] Naturalmente, tamén se estendeu ó resto do mundo, a través da exportación de exemplares en período de incubación, chegando a Canadá en 1993, a Xapón en 2001 e ós EEUU en 2005. Recomendamos tamén a consulta da web da Organización Mundial da Saúde (http://www.who.int/mediacentre/factsheets/fs113/en/).

España	0	2	82	127	167	137	98	68	36	25	18
EEUU	0	0	0	0	0	0	1	1	0	0	0
Finlandia	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0
Francia	13	228	274	239	137	54	31	8	9	8	10
Grecia	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	0
Irlanda	115	476	246	333	183	126	69	41	25	23	9
Israel	0	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0
Italia	2	0	48	38	29	7	8	7	2	1	2
Japón	0	0	3	2	4	5	7	10	3	1	1
Liechtenstein	0	2	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Luxemburgo	0	1	0	1	0	0	1	0	0	0	0
Países Bajos	0	8	20	24	19	6	3	2	2	1	---
Polonia	0	0	0	4	5	11	19	10	9	5	4
Portugal	33	496	110	86	133	92	46	33	14	18	8
Reino Unido	161.324	19.521	1.202	1.144	611	343	225	114	67	37	12*
Suecia	0	0	0	0	0	0	0	1	0	0	0*
Suíza	186	180	42	24	21	3	3	5	0	0	0

*: Dinamarca: datos ata o 19.11.2009; Reino Unido, ata o 30.09.2009; Suecia, ata o 31.06.2009.

▸ Fonte: Oficina Internacional de Epizootías, http://www.oie.int/esp/info/es_esbmonde.htm [20.02.2010].

A primeira vaca na que se detectou a enfermidade das vacas tolas en Galicia, e en España, foi *Parrula*, unha vaca frisoa de cinco anos dunha explotación de Carballedo (Lugo), que morreu o 25.10.2000 e foi diagnosticada como afectada pola enfermidade o 22 de novembro seguinte [145]. A segunda foi *Elvira*, morta o 31 de agosto en Coristanco pero sen confirma-lo diagnóstico ata o 7 de decembro. O 5 de xaneiro apareceu unha terceira en Guitiriz (a primeira rubia galega e chamada, precisamente, *Gallega*) e dúas máis en León (os primeiros casos españois fóra da nosa Comunidade); o 31 do mesmo mes, outras tres no Incio, Rodeiro e Ordes; e o 5 de febreiro aparecen outras tres en Aranga, Sarria e Viana do Bolo. Dende entón, a enfermidade foi estendéndose por toda España alcanzando cifras de prevalencia máximas no 2003, con 62 casos galegos e 105 no resto de España, para ir descendendo paulatina pero constantemente nos anos sucesivos. Os últimos datos oficiais, referidos a 2009, reducen a prevalencia a 8 casos galegos e outros 10 no resto de España.


Todos estes datos hai que lelos en relación co censo e co número de animais estudados. A Dirección Xeral de Saúde Pública publicou un estudo sobre a situación da enfermidade en Galicia desde que se detectou ata fins de 2006 [146]. Neses seis primeiros anos confirmáronse 259 casos positivos, sobre un total de 1.014.165 animais (sacrificados con máis de 24 meses ou mortos a calquera idade), o que representa unha prevalencia do 25,5 por cen mil. O 85% dos positivos tiña entre 4 e 7 anos de idade.


Casos de Encefalopatía Esponxiforme Bovina en Galicia e España							
Ano	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	**Galicia**	Resto de España	Total España
2000	1	1			**2**	0	2
2001	7	14	3	2	**26**	56	82
2002	10	8	3	14	**35**	92	127
2003	17	26	1	18	**62**	105	167
2004	14	24	5	15	**58**	79	137
2005	16	16	2	12	**46**	52	98
2006	9	13	1	7	**30**	38	68
2007	8	7	1	3	**19**	20	39
2008	3	7	1	1	**12**	13	25
2009	2	2	1	3	**8**	10	18

▸ Fonte: http://www.eeb.es/pags/espana.htm [17/02/2010].

[145] Con esta data, o Diario Oficial de Galicia publicou unha orde pola que se declara oficialmente a existencia da encefalopatía esponxiforme bovina en Galicia.

[146] "Evolución da encefalopatía esponxiforme bovina en Galicia de 2000 a 2006", en *Boletín Epidemiolóxico de Galicia* vol. XX, 3, 2007; 1-2.





A encefalopatía esponxiforme bovina representou a maior crise alimentaria europea na historia contemporánea e trouxo consigo notables cambios na lexislación e nos controis sanitarios sobre os animais de abasto e sobre a carne, sentando á vez as bases da seguridade alimentaria hoxe vixentes [147]. A trascendencia que tivo radica no elevadísimo custo que representa a perda dos animais enfermos, o sacrificio obrigatorio de animais sospeitosos, como medida preventiva (no Reino Unido chegaron a sacrificarse dous millóns de cabezas), e a destrución dos cadáveres, dos materiais especificados de risco e dos alimentos sospeitosos [148]. Pero sobre tódolos anteriores factores económicos, a crise naceu coa confirmación de que se transmitía ós consumidores, nos que producía a denominada *nova variante da enfermidade de Creutzfeldt-Jakob*,

[147] Regulamento (CE) n° 178/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, de 28 de xaneiro de 2002, polo que se establecen os principios e os requisitos xerais da lexislación alimentaria, créase a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria e fíxanse procedementos relativos á seguridade alimentaria (DOCE L 31, 01.02.2002). Aquela norma básica foi concretada co conxunto de Regulamentos publicados no 2004 e coñecidos como *Paquete de Hixiene*.

[148] A finais de 1988, só no Reino Unido, o número de cabezas de vacún sacrificadas superaba os catro millóns, e a fariña de carne e ósos incinerada superaba as 250.000 toneladas. A finais de 2002, as estimacións das perdas ocasionadas pola enfermidade só en España alcanzaban os 650 millóns de euros (*La Voz de Galicia* 24.11.2002).

unha encefalopatía humana mortal, sen tratamento coñecido [149]; así como na alarma social que produce a particular etioloxía e o longo período de incubación, no gando e na xente, que fai que os expertos esperen a aparición de máis casos ó longo de non menos de 15 anos. Cómpre ter presente tamén que a virulencia do prión é reducida: estímase que no Reino Unido se consumiron entre 1985 –ano no que se diagnosticou a enfermidade nas vacas- e 1996 –ano no que se adoptaron as medidas de retirada do mercado das carnes procedentes de animais sospeitosos- non menos de 500.000 animais afectados, o que quere dicir que millóns de persoas comeron a súa carne sen que a casuística posterior responda á alarma producida. Ata o ano 2008 lévanse diagnosticado só uns 200 casos aínda que non debe olvidarse o seu longo período de incubación na especie humana.

A enfermidade resulta transmisible ó home, no que provoca a denominada *variante da enfermidade de Creutzfeldt-Jakob* [150], tamén de tipo nervioso e dexenerativo e sen tratamento posible polo de agora. Diagnosticouse por primeira vez en 1995 e todo parece indicar que a principal vía de transmisión é a alimentaria, por inxestión de carne e vísceras de vacún enfermo [151]. Esta é a razón pola que a loita contra a enfermidade se dirixiu á eliminación na cadea alimentaria –humana e animal- de determinados órganos que se consideran transmisores dos *prións*, os chamados *materiais especificados de risco* (MER), coa obriga de seren retirados de forma segura tralo sacrificio, identificados mediante tinción permanente e destruídos posteriormente mediante incineración en plantas especificamente autorizadas, evitando así calquera forma de aproveitamento. A definición do que se considera *material MER* no gando vacún foi variando ó longo dos anos segundo se foron tendo novas evidencias científicas do seu verdadeiro risco e, neste momento, son os seguintes [152]:

- O cranio, excluída a mandíbula e incluídos o encéfalo e mailos ollos, e a medula espiñal dos bovinos de máis de 12 meses.
- A columna vertebral, excluídas as vértebras do rabo, as apófises espiñosas e transversas das vértebras cervicais, torácicas e lumbares, así como a crista media e as alas do sacro, pero incluídos os ganglios da raíz dorsal, dos bovinos de máis de 30 meses.
- As tonsilas, os intestinos, desde o duodeno ata o recto, e o mesenterio dos bovinos de tódalas idades.

Nun animal adulto enfermo, os sesos concentran ata o 64% dos *prións* e a medula o 25%; nos músculos (mesmo na lingua e outros músculos da cabeza) non se detectou infectividade, así como tampouco no leite.

7715 **enfermidade das vacas tolas** *s.comp.f.* Denominación popular da encefalopatía esponxiforme bovina. (Común).

7716 **tola 1** *adx.* [Vaca] afectada pola encefalopatía esponxiforme bovina. Non se pode confundir esta encefalopatía con outras enfermidades que cursan con sintomatoloxía nerviosa e que poden deberse a causas infecciosas, parasitarias ou metabólicas, coma as patoloxías médicas, que encadramos en 8.5.5. *Enfermidades nerviosas* e 8.5.6. *Epilepsia* ou as patoloxías da reprodución que cursan con síntomas nerviosos, que encadramos en 8.7.6. *Febre vitularia*. Nestas enfermidades os síntomas nerviosos que presentan os animais son debidos a procesos que nada teñen que ver co cerebro. A diferenza delas, a encefalopatía esponxiforme é unha dexeneración do propio tecido nervioso, sen ningunha lesión noutros órganos. (Común).

---

[149] Esta nova encefalopatía foi identificada no Reino Unido en 1996, sobre 10 mortes ocorridas en 1994 e 1995. Desde entón e ata o 2008 recoñecéronse uns 200 casos seguros, dos que 166 corresponden a aquel país, 23 casos en Francia, 4 en Irlanda, 3 en Estados Unidos, 2 en Holanda e Portugal e 1 en Arabia Saudí, Canadá, Xapón e Italia (*La Voz de Galicia* 1.10.2008). O primeiro caso en España foi unha muller de 26 anos, falecida o 10.07.2005; ata marzo de 2009 houbo 5 mortos acreditados e, polo menos, un caso probable en Ferrol, que non se puido confirmar porque a familia non permitiu facer autopsia: de ser certo, sería o primeiro caso galego ("Fallece en Ferrol una supuesta víctima del mal de las vacas locas", en *La Voz de Galicia* 16.10.2008).

[150] A *enfermidade de Creutzfeldt-Jakob* era xa coñecida desde 1920, pero a forma coa que aparecía agora presentaba características clínicas e anatomopatolóxicas diferentes: a media de idade á morte na forma clásica é de 68 anos, mentres que nesta variante baixa a 28 anos; na forma clásica, a morte prodúcese ós 5 meses, de media, dos primeiros síntomas, mentres que na variante sucede ós 14 meses. Para máis información, consúltese *Guía ECJ y otras encefalopatías espongiformes transmisibles humanas* (http://www.msps.es/ciudadanos/enfLesiones/enfTransmisibles/docs/GuiaECJ.pdf [14.11.2009]).

[151] Outras formas de contaxio humano son o uso de material cirúrxico ou terapéutico, elaborados a partir de materias primas de orixe bovina, como soro ou plasma.

[152] Orde PRE 156/2009 do Ministerio da Presidencia, de 30 de xaneiro, pola que se regula a destrución dos materias especificados de risco en relación coas encefalopatías esponxiformes transmisibles (BOE nº 31, de 5.02.2009). Tamén se consideran materiais especificados de risco o cranio e a medula de ovinos e caprinos de máis de 12 meses de idade, o bazo de ovinos e caprinos de calquera idade e os cadáveres das tres especies de calquera idade.

8.3.15. Lingua azul

A lingua azul é unha enfermidade vírica que afecta especialmente as ovellas (de aí o nome de febre catarral ovina) pero tamén, no que a nós nos interesa, a outros ruminantes, entre eles as vacas. Nas ovellas provoca febre alta, úlceras na mucosa bucal, lingua inflamada, que toma unha cor cianótica (azul), mucosidade e salivación abundantes, coxeiras e, en ocasións, a morte. No gando vacún non cursa de forma grave pero tamén provoca febre, úlceras na boca, mucosidade e redución da produción de leite. Non é transmisible ás persoas.

A enfermidade, transmitida só por certas especies de mosquitos *Culicoides* propios de zonas cálidas, coñécese desde antigo en África pero nunca fora diagnosticada en Europa ata o 2003, nas Baleares, e o 2004, en Cádiz [153]. Pouco a pouco foi xurdindo noutras zonas do sur de España, Portugal e noutros países mediterráneos. A actual epizootia europea comezou no 2006 coa aparición de novos serotipos en Holanda (nº 8) e, posteriormente, no País Vasco (nº 1). Desde aquela data seguiu a estenderse por toda Europa ata que en novembro de 2007 se diagnosticou por primeira vez nunha vaca de Muxía que fora adquirida no País Vasco, seguida ó pouco doutras procedentes de Alemaña. En setembro de 2008 apareceron os primeiros casos autóctonos: 7 ovellas e dúas vacas de diferentes explotacións de Barreiros, Lourenzá e A Pontenova, tras ir avanzando desde meses antes por toda a cornixa cantábrica, o que puxo en evidencia que tanto o virus coma o mosquito están xa instalados en Galicia. En outubro xa se admitían oficialmente 557 focos na nosa comunidade.

Non existe tratamento eficaz senón só medidas preventivas: erradicación do vector, sacrificio das reses enfermas e vacinación co serotipo presente.

Dada a novidade desta enfermidade no noso país, non cabe estrañarse de que non atopásemos ningunha información popular sobre ela [154].

8.4. Patoloxía parasitaria

8.4.1. Carrachas

Ácaros de diferentes especies das familias *Ixodidae* e *Argasidae*, todas elas de vida parasitaria, que afectan tódolos animais domésticos, incluídas aves. No gando vacún, a especie máis común é a *Ixodes ricinus*. Trátase dun parasito que se fixa na pel dos animais e que lles zuga o sangue e asemade provoca unha forte irritación, intenso proído, engrosamento cutáneo e aparición de pequenos nódulos infectados. Á parte da súa acción parasitaria, os *carrachos* ou *carrachas* son causa de frecuentes infeccións cutáneas e actúan como transmisoras de diversas enfermidades infecciosas e parasitarias.

O tratamento recomendado é a aplicación de antiparasitarios externos pero o gandeiro non adoita recorrer a eles salvo en casos de infestacións masivas. Normalmente arríncanas sen máis, pero resulta doloroso para as vacas e non se deixan (Gro2). Cómpre advertir que esta práctica está totalmente desaconsellada porque o único que se arrinca é o corpo, quedando a cabeza suxeita na pel cos quelíceros -mandíbulas- cravados nela.

Outras veces esfréganas con aceite, graxa ou borralla, porque *a graxa vailles moi mal*. Bótana ó redor das carrachas e estas *caen de camiño* (Arc1, Gro2). Este remedio -recomendado sobre o anterior- ten a súa explicación: as carrachas, coma tódolos arácnidos, son animais de respiración traqueal e ó quedaren empapadas coa graxa interrómpeselle-la respiración e soltan as mandíbulas coas que se suxeitan á pel, caíndo ó chan.


En Camariñas arríncanas e bótanas no lume para que morran, porque disque se as botan ó chan e os pisan, *o bicho non morre de vez* senón que *segue andando coa pelica rebentada ata que volve chupa-lo sangue outra vez e volve inchar* (Cam1).

Observamos que os informantes nos falan de carrachas grandes e pequenas, diferenza que tamén pode explica-las formas *carracha* e *carracho,* aínda que non temos datos de que se use un xénero para as grandes e outro para as pequenas. Hai que facer constar que, como xa dixemos, hai distintas especies involucradas, de tamaños distintos pero estes non son significativamente diferentes. Probablemente estean designando distintas fases do ciclo evolutivo (as larvas e ninfas son menores cós adultos) ou, máis probablemente, exemplares de distinto sexo: a femia é considerablemente maior có macho.

---

[153] Esta expansión cara o norte dos mosquitos transmisores da enfermidade atribúese ó quecemento global que sofre a terra desde hai poucos anos.

[154] Na epígrafe 8.3.4. describímo-la febre catarral maligna, enfermidade semellante pero específica do gando vacún. Esta si que ten presenza histórica en Galicia e puidemos atopar algunha denominación popular.



Carrachas: macho (pequeno) e femia (grande) copulando.

7717 **carracha 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Arácnido que parasita ós mamíferos alimentándose do sangue deles. *'Carrachas' son ácaros convertidos en carrapatos do gado vacun, mular ou asnal* (Parade.:279). (Común).

7718 **carracho 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CARRACHA 1 /7717. Pintos defíneo como: "El bicho gordo como una bota que se cria en los perros, cerdos y otros animales". A metáfora resulta evidentemente esaxerada. (Cod., Com1, Dum., ERG, Figue1, FMS, Fri., Goián, Gro1, Gro2, JMP, Noalla, Pantón, Ram., San., VGR, Xun.).

7719 **carradia** *s.f.* Ver CARRACHA 1 /7717. Sospeitamos dun erro de lectura por *carracha*. (Lal2).

7720 **carrancho** *s.m.* Ver CARRACHA 1 /7717. (Fra.).

7721 **carrapata** *s.f.* Ver CARRACHA 1 /7717. Non tomamos a Eladio Rodríguez como informante porque denomina con este nome o piollo pato: "ladilla, parásito casi redondo, con seis patas armadas de ganchitos, que se agarran a las partes vellosas y húmedas del cuerpo humano, de cuya substancia se alimenta; CARRAPATO. En algunas comarcas llámase así al *piollo*". Debe terse en conta que se trata de dous parasitos diferentes que non se deben confundir. As carrachas ou carrachos son arácnidos, moito máis grandes cós piollos, dotados de oito patas e parasitos de distintas especies animais, afectando o home só esporadicamente. Os piollos son insectos, con seis patas, e parasitan, segundo a especie, tanto o home coma os animais. (Gud5, Vil.).

7722 **carrapatón** *s.m.* Variedade de carracha. As nosas fontes non especifican as súas características. (Burón, Suarna).

7723 **carraza 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CARRACHA 1 /7717. *...os mociños de Cualedro/ andan cheos de carrazas* (Cuale.:110). (Cuale., Gud., Pentes1, Ver1, Ver3, Ver4).

7724 **escarrapacho** *s.m.* Ver CARRACHA 1 /7717. (ERG, Lemos1).

7725 **escarrapato** *s.m.* Ver CARRACHA 1 /7717. (CP).

7726 **garracha** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CARRACHA 1 /7717. (CP, Ped1).

7727 **garracho** *s.m.* Carracha de gran tamaño. (LCA).

7728 **isqueiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Proído producido polos carrachos. *'Isqueiros' son os esgueiros ou árdegos que producen os carrachos, en embrión, que onde traban fan un proído pior do que é a estiza*. A estiza é a sarna. (Parade.:279).

7729 **sancha** *s.f.* Carracha. (Vil.).

7730 ***garrapata** *s.f.* Ver CARRACHA 1 /7717. (ERG).

7731 **carracha branca** *s.comp.f. Ixodes ricinus*. Arácnido que parasita vacas e cans. (Cañiza3).

7732 **carracha grande** *s.comp.f. Ixodes ricinus*. Arácnido que parasita vacas e cans. (Cañiza3).

A gando fraco todo son carrachos. (XERCG:553; XERCG:595) [155]


[155] Corresponde co cast. *A perro flaco todo son pulgas*.

Gado cativeiro, de carrachos cheo. (VLLM:2,79)
Gado cativeiro, sempre carracheiro. (VLLM:2,79)
Gado cativo, todo é carrachas. (VLLM:2,79) [156]
Gado fraco, todo é carrachas. (VLLM:1,179)
Gado fraco, todo é carracho. (VLLM:2,79)
Gado pequeno, todo é carracheiro. (VLLM:2,79)
Gando flaco, todo se compón de carrapatas. (Gud5:97)
Gando fraco, todo é carrachas. (JASA:342; JASA2:373; JASA3:222; EAG:17; ERG:gando; ZM:113; VLLM:2,79; UCA2:37) [157]

A regueifa é de trigo
e ela baixou pola Graña,
trague carrachos na testa
coma as vacas da montaña. [158]

Indo pola calle abaixo
tropezei cunhas tenazas
os mociños de Cualedro
andan cheos de carrazas. [159]

8.4.2. Distomatose hepática



Ciclo biolóxico da fasciola hepática (adaptado de www.dpd.cdc.gov).

[156] Llópiz recólleo de Leiras Pulpeiro (B.R.A.G. VII). Da variante que copiamos de Xaquín Lorenzo pode pensarse que se refire ó gando ovino: *Non precures gado miudo, que todo íl son carrachas* (XLF2:46). Lémbrese aquela cantiga: *Non queiras muller pequena/ que noa ves se non te agachas / nin precures gado miúdo / que todo il son carrachas* (LimiaB: 111: *muido* [sic]).

[157] ZM: *todo son.* Llópiz di que este refrán hai que aplicalo máis ben ás ovellas, porque, afirma, *carracha* é o arácnido parasito das ovellas; que o das vacas se chama *carracho* e o dos equinos *garrapacho* ou *carrapacho*; por iso considera que a var. *Gado fraco todo é carracho* só se aplica ó bovino. JASA engade: *El perro flaco todo es pulgas. Así el refrán gallego como el castellano se usan en sentido alegórico*.

[158] AS:17.

[159] Cuale.:110.

Trátase dunha infestación producida pola *Fasciola hepatica* ou o *Dicrocoelium lanceolatum* [160], que parasita o fígado -máis exactamente as vías biliares- provocando un proceso crónico (ou rara vez agudo) con inflamación e dexeneración das vías biliares, cousa que remata ocasionando a retención biliar e serios transtornos nutricionais. Os animais enfermos mirran e sofren alteracións da remoeira, diarrea e tamén baixan na produción de leite. Un síntoma característico é o edema do papo (*papeira*). Nos casos crónicos tamén pode observarse o pelo de punta na rexión das costas: *vacas enfaixadas*.

> *Con este nombre vulgar [Mal do herbo] y con los menos vulgares de* ENFASTÍO, ENHERBARSE *y* ENFASTIARSE *los ganaderos gallegos conocen la enfermedad parasitaria, conocida con el nombre de distomatosis. La medida radical contra el 'mal do herbo' es quemar todos los pastos donde puedan existir los parásitos patógenos y trasladar las reses cuanto antes a zonas no infectadas* [161].

Afecta ovellas e vacas, que se infestan por comeren herba en prados húmidos ou ó redor dos regatos e abrevadoiros, onde viven os hospedadores intermediarios, uns pequenos caracoliños (*Lymnaea truncatula*), ou ben por comeren a herba segada alí.

É transmisble ó home, a partir do consumo de ensaladas crúas (berros, leituga etc.) e mesmo a auga das fontes contaminadas.

Os gandeiros que teñen unha vaca con esta enfermidade mantéñena nunha corte seca, ben quente, sen sacala a pacer (Arc1, Gro2). Ademais procuran que a vaca non estea en posición normal, sobre a horizontal, senón co terzo posterior máis baixo có anterior. No Pino (Medín) forzan á vaca a estar nesta posición dándolle a comida en presebes altos. Así axudan a reduci-los efectos do edema do papo, que é un dos síntomas máis característicos.

Tamén lle dan de comer seco: herba seca ou gran (Arc1, Gro2) ou danlle viño (Arc1, Pade., Ribe1). Outras veces renuncian a intentar calquera tratamento: *generalmente no se preocupan de curarla, por no ver remedio* (Caa.).

7733 **afaixada** *s.f.* Ver FAIXA 2 /7736. Neste caso o informante deixa claro que se trata dun substantivo: "*A AFAIXADA*: enfermedad posiblemente del hígado y que le pone una franja por encima de las patas delanteras y parte de las costillas bordeandola". (Cur1).

7734 **apapada** *s.f.* Ver PAPEIRA 1 /7738. A nosa fonte escribe claramente *apapada* e descríbeo como distomatose: "ataca a la papada, con curación, comidas en pesebres". (Medín).

7735 **enfastío** *s.m.* Ver MAL DO HERBO /7747. Chámase así pola inapetencia que provoca no gando enfermo. (ERG).

7736 **faixa 2** *s.f.* Banda de pelo ruzo na rexión das costas, un dos síntomas característicos da distomatose, e a propia enfermidade Noia explícao claramente: "Enfermedad ao fijado". (Común).

7737 **fasciolose** *s.f.* Distomatose hepática. O nome científico do parasito produtor desta enfermidade é *Fasciola hepatica*. (CAGM).

7738 **papeira 1** *s.f. Ú. t. en pl.* Distomatose: enfermidade caracterizada pola inchazón edematosa do papo. As nosas fontes en Arca, Boi. e Mondo2 escriben *papeiras*. A nosa fonte en Caa. di que é un vulto na garganta; Gro2, que é "unha cousa que se lles pon no papo", e engade que é máis frecuente nas ovellas, o que é certo nesta enfermidade; Negral, que é a inchazón da gorgueira; e Vala. explica que lles ataca ó fígado e lles produce unha forte diarrea. Guil2 é máis explícito: "Se da en los terneros de unos 4 meses (cuando se les quita de mamar). En la garganta sale un flemón, luego se contagia a la tripa, se descompone (diarreira) y suelen morir". San. só nos di: "Enfermidade que se manifesta con inchazón do pescozo", pero menos explícitas aínda son as fontes que quitamos do *Glosario de voces galegas de hoxe* (Cal., Feás-A e Vala.) que só definen como "enfermedad del vacuno". (AME, Arca, Boi., Caa., Cal., Eixo, Feás-A, Gro1, Gro2, Guil2, Mondo2, Negral, Sabu3, San., Vala).

7739 **papo 3** *s.m.* Edema na rexión submaxilar, que remata estendéndose cara ó peito, síntoma patognomónico da distomatose. (AME, Gro5, Lama, Pont., Sou3, Vboa).

7740 **resollo** *s.m.* Ver SOLLO 2 /7745. (Gro5).

7741 **solazo 1** *s.m.* Ver SOLEADA 1 /7742. (AME).

7742 **soleada 1** *s.f.* Caquexia provocada por distomatose hepática. A nosa fonte defínea como "enfermedad del ganado vacuno que consiste en que se pega la piel a la carne". Coidamos que con esa expresión quere dicir que a pel dun animal caquéctico perde a elasticidade por deshidratación do tecido

[160] Vermes trematodos, planos e de forma ovoide alongada, de 2-3 cm de lonxitude e 1 cm de anchura, o primeiro, e de 1-1,5 cm de lonxitude por 2-3 mm de anchura, o segundo.

[161] ERG: mal.

conxuntivo subcutáneo. Aínda que o noso informante non describe ningún síntoma patognomónico, nós adxudicamos estas voces á distomatose hepática porque a caquexia é unha consecuencia común e porque unha fonte fiable (AME) dá como sinónimos da distomatose as palabras *solazo* e *soleado*, aínda que Feas-A, Com1 e mais Ced. dan *soleada*, *soleamento* e *solazo* como "insolación", sen especificar se falan de seres humanos ou tamén de bovinos. (Feás-A).

7743 **soleado** *s.m.* Ver SOLEADA 1 /7742. (AME, Gui.).

7744 **soleadura** *s.f.* Ver SOLEADA 1 /7742. A nosa fonte (Pade.) só nos dá o tratamento: "se cura con fricciones de aguardiente con huevos; se cura también dándole vino hervido". (Ces., Pade.).

7745 **sollo 2** *s.m.* Distomatose hepática. (Gro5, Lama, Noalla, Pont., Sou3, Vboa).

7746 ***papillo 1** *s.m.* Ver PAPO 3 /7739. (Lama, Morga., Pont., Sou3, Vboa).

7747 **mal do herbo** *s.comp.m.* Distomatose hepática. Nome común pola intervención da herba na súa etioloxía como vehículo do parasito. Eladio Rodríguez defíneo así: "Con este nombre vulgar y con los menos vulgares de ENFASTÍO, ENHERBARSE y ENFASTIARSE los ganaderos gallegos conocen la enfermedad parasitaria, conocida con el nombre de distomatosis. La medida radical contra el *mal do herbo* es quemar todos los pastos donde puedan existir los parásitos patógenos y trasladar las reses cuanto antes a zonas no infectadas". (ERG).

7748 **enfaixada 2** *adx.* Ver FAIXADA 2 /7750. (Arc3, Gro1).

7749 **enfeixada 2** *adx.* Ver FAIXADA 2 /7750. (Cam1).

7750 **faixada 2** *adx.* [Vaca] que padece distomatose hepática. Os tratantes aproveitan para devaluala por *tuberculosa*, o que é falso. (Gro1).

7751 **soleada 3** *adx.* [Vaca] que padece caquexia por cousa dunha distomatose hepática. Realmente a nosa fonte di o seguinte: "por lo que me dijeron debe ser como una insolación" e engade que o tratamento consiste en fregas dunha mestura de augardente e ovos batidos, e que se lle dá a beber viño quente. (Ribe1).

7752 **dous pelos** *loc. adx.* [Vaca] á que na rexión pulmonar o pelo lle cambia de color ou está de punta por distomatose. (Cam1).

7753 **abotonarse 1** *v.* Arremuiñarse o pelo [da vaca] na zona das costas. (Feás-A).

7754 **alaixar** *v.* Ver ABOTONARSE 1 /7753. (Feás-A).

7755 **arrebuñar 2** *v.* Retorcérselle o pelo [ás vacas enfermas de distomatose hepática]. (Mel1).

7756 **enfaixarse 2** *v.* Poñerse de punta [o pelo da vaca], formando unha faixa na zona torácica, como síntoma de distomatose hepática. (Mel1).

7757 **enfastiarse 2** *v.* Padece-lo mal do herbo. (ERG).

7758 **enherbarse** *v.* Padece-lo mal do herbo. (ERG).

7759 **faixear 2** *v.* Ver ENFAIXARSE 2 /7756. (Com1).

7760 **te-la faixa 2** *loc. v.* Te-lo pelo de punta formando unha faixa arredor das costas por causa dunha distomatose ou lesións hepáticas. (Común).

7761 **te-la papeira** *loc. v.* Ver TE-LO PAPO /7762. (Gro1).

7762 **te-lo papo** *loc. v.* Padecer [unha vaca] distomatose hepática: produce un edema no papo. (Lama, Pont., Sou3, Vboa).

7763 **te-lo sollo** *loc. v.* Padecer [unha vaca] distomatose hepática. (Lama, Pont., Sou3, Vboa).

7764 **te-lo *papillo** *loc. v.* Ver TE-LO PAPO /7762. (Lama, Pont., Sou3, Vboa).

8.4.3. Helmintiase

Baixo este nome englobaremos todas aquelas parasitoses dos bóvidos producidas por vermes intestinais [162], sexan tenias (vermes planos, entre a que a máis frecuente é a *Moniezia expansa*, de ata 6 metros de lonxitude) ou ascárides (vermes redondos, sobre todo *Neoascaris vitulorum*, duns 30 cm de lonxitude). En calquera caso só provocan síntomas clínicos nos casos de infestacións masivas, causando debilidade, retrasos no crecemento e ás veces cólicos e diarreas.

Os remedios populares que se usan contra as lombrigas do gando son numerosos e en todo semellantes ós usados na xente. Unhas veces danlles ós becerros a semente de seixebra (*Saxifraga spp*) moída (FMS2:137, ERG) ou en infusión (Piquín: jeijebra), ou ben a de codeso (*Adenocarpus complicatus*) (FMS2:137). En Sabucedo de Montes (Sabu2) utilizan unha infusión de varias herbas: malva, ruda, xarxa e allos, e póñenlles ós becerros un colar de trobisco (*Daphne gnidium*) [163].

[162] Outra patoloxía frecuente no gando serían os parasitos pulmonares, pequenos vermes que producen distintos problemas respiratorios, pero non os incluímos aquí porque non atopamos ningunha información en todo o material consultado.

[163] Descoñecémo-lo uso desta herba na medicina humana, pero parece estar estendido en veterinaria. Sabemos que tamén no Levante e en Andalucía utilizaban este colar de casca de trobisco contra as lombrigas e as samesugas (EB1:50-51). En Castellón empregábana para elimina-los grans e papilomas do gando, atando tiras da cortiza na súa base, *aunque siempre se advierte que puede producir una gran llaga*; en Albacete intentaban combate-la diarrea dos años atando tiras de cortiza no rabo ou no pescozo; tamén se utilizou contra as pulgas e piollos nas cortes e currais, pendurando do teito pólas de trobisco, ás veces xunto ó corpo dunha bubela morta (AV-JF: 39-39). En calquera caso, digamos que Font Quer advirte que, ó exterior, produce unha gran inflamación da pel e que, por vía interna, *es un purgante tan enérgico que su uso no es recomendable, ni aun extremando la prudencia* (FQ:388).

No Mundil (Cartelle, Ourense) danlles manteiga sen cocer, con allo e loureiro, ou leite no que se maceraron toda unha noite sementes de coella [164]. En Paradela cúranas dándolle ó becerro un pouco de nabiña esmagada nun vaso de augardente (Parade.).

De moita sona, outra herba que se emprega contra as helmintiases é a chamada *herba llaveira* [165], *allaveira*, *ollaveira*, *follaveira* etc., tamén denominada *herba do gando* (*Helleborus foetidus*) [166], purgante enérxico e da que din que basta ulila para cura-las lombrigas (Piq: ollabeira). Véxase 8.1.4. *As plantas medicinais*.

García Sanz, veterinario, cita o uso en Galicia dos agróns (*Rorippa nasturtium-aquaticum* [167]) como vermicida polos pelegríns do camiño de Santiago pero non recolle tal uso no gando (AGS:77).


7765 **lombriga** *s.f. Ú. m. en pl.* Parasito intestinal. Existen diferentes especies de lombrigas intestinais no vacún, pero as nosas fontes non entran, como é natural, nestas disquisicións. (Gaxate, Parade.).

7766 **lumbriga** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver LOMBRIGA /7765. (Noalla).

7767 **lumbrigha** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver LOMBRIGA /7765. A nosa fonte escribe *lumbrija*. (Verdu).

7768 ***lombriz** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver LOMBRIGA /7765. (Car2, Sabu2).

8.4.4. Hipodermose



Adulto, ovo e larva de *Hypoderma bovis.*

Enfermidade parasitaria producida polas larvas dunha mosca, *Hypoderma bovis* [168], amplamente distribuída en Galicia, de gran tamaño e con bandas ó xeito das abellas. Trátase dunha especie de parasitismo obrigado, que pode afectar tamén équidos e que tamén se pode dar no home. A mosca adulta pon os seus ovos no pelo das patas e, ó naceren, as larvas penetran na pel e sofren unha migración polo tecido conxuntivo

[164] Mundil:135. No texto di realmente *sementes do coellos*; supoñemos que quere dicir *sementes de coellas*, que é unha col, aínda que diferentes dicionarios especifican que *coella, coenlla* e *colla* son cada unha das coles de semente antes de as transplantar. Eladio Rodríguez recolle en Ourense o uso do plural: *Esta hortaliza* [a verza] *se cultiva mucho en nuestra región y generalmente se nombra en pl., COELLAS, denominación que es comunísima en la provincia de Orense y otras comarcas*.

[165] Nome que se debe, coma os seus sinónimos, a que, por abrochar polo Nadal, disque anuncia se o ano entrante vai ser bo ou malo segundo o número de flores que bota e, en consecuencia, de froitos.

[166] Que xa mencionamos no apartado 8.3.2. *Carbuncho*.

[167] Na bibliografía habitual aparece máis frecuentemente coa denominación antiga: *Nasturtium officinale*.

[168] Existe outra especie semellante, a *H. lineata*, pero non está presente en Galicia.

subcutáneo ata chegaren ó lombo. Alí completan o seu desenvolvemento, formando os *vérragos*, vultiños característicos de 1-2 cm de tamaño no lombo das vacas, ata a súa eclosión. Nese momento caen ó exterior e refúxianse no chan onde forman a pupa e, ó cabo de 34-36 días, nace a mosca adulta, pechándose o ciclo. O ciclo completo das hipodermas dura entre 8 e 11 meses.

É na primavera cando se produce a saída da larva dos nódulos subcutáneos. Coa desaparición do parasito, prodúcese a curación dos abscesos en poucos días e, como queira que este momento cadra coa época na que as vacas reciben a mellor alimentación, moitos gandeiros atribúen o medrío e o bo aspecto do seu gando precisamente á presenza deses vultiños e á saída dos vermes, ós que achacan unha especie de renovación ou depuración do sangue (Gro2). En Camariñas dinnos que os *barros* son un síntoma de boa saúde e medrío, e que a vaca *bota eses bichos ó cambia-lo sangue*; por iso o denominan *bota-lo cativeiro fóra*. Tamén o recolle Eladio Rodríguez, baixo a forma *botar fòra o cativeiro* e aplicado á xente, que explica como: *erupción que suele presentarse en todo el cuerpo al pasar de una vida de hambre, privaciones o miseria, a una vida de comodidad y en la que nada falta*. O noso informante en Noalla dinos que se deben á fame que pasan no monte, curando simplemente coa boa comida (Noalla3). Noutros lugares atopamo-las formas *medras*, *medradeiro*, *medrío* etc.

A realidade é que, aínda que tanto as manifestacións clínicas coma as lesións sexan pouco significativas e normalmente pasaxeiras, representa para o noso gando un problema de considerable importancia polos prexuízos económicos que causa nas producións de leite (cun descenso de ata un 30%) e carne e na calidade dos coiros, que perden todo o seu valor pola presenza dos buratos. Ademais pode constituír unha porta aberta a outras infeccións.

Esporadicamente, o *Hypoderma* pode instalarse no home, provocando unha miase en zonas corporais desprotexidas (cara, mans, pescozo), aínda que a larva non chega a madurar.

Tamén existe a crenza popular de que estes vultiños son provocados polas larvas dos tabáns. A propia pregunta do cuestionario do ILG (*quistes de tabán no lombo das vacas*) inducía a esta confusión. A orixe deste erro é doada: o tabán e o *Hypoderma* son dous dípteros, dúas moscas na linguaxe común, semellantes morfoloxicamente aínda que pertenzan a dúas familias zoolóxicas diferentes [169]. É lóxico que o gandeiro non entre nestas distincións e que os asimile como un mesmo insecto, ó que chama xenericamente *tabán* por ser este máis común e máis coñecido [170]. Non obstante, cómpre destaca-lo feito de que, como mínimo, en Callobre (Callo.) recoñecen que estes vermes non se deben ás picaduras dos tabáns, pois explican que se ben tódalas vacas son picadas polos tabáns, non todas botan os vérragos; alí coidan que é sinal de que a vaca é leiteira.

En Cariño (Car2) contan que estes vultos acaban por rebentar e converterse en chagas. No caso de que chova e estas chagas se mollen, a vaca morre; pero, se non se mollan, cura de seu [171].

En Dozón (Sisto) curan as *nacidas*, que é como alí denominan a hipodermose, queimando no sitio cun ferro quente. En Sanxenxo (Noalla) tratan a enfermidade cunha pasta feita con xofre en auga. García Sanz recolle tamén o uso contra os vérragos do gando do *aceite de bidueiro* (tamén chamado *brea de bidueiro* ou *aceite moscovita*), obtido por destilación seca da madeira desta árbore (AGS:26).

Emilio Blanco recolle no noroeste ibérico (sen maior precisión) o seguinte tratamento contra a picadura da mosca ou, máis ben, contra a propia mosca: cunha póla de cardo (*Eryngium campestre*) faise o sinal da cruz sobre a pegada da vaca e déixase logo enriba dela suxeita cunha pedra (EB1:50-51).

En Ames (TapiaC) o informante volve recorrer á farmacopea oficial e di que se cura con *Polvos Cooper* ou *Ruelene* [172]. Nótase ben neste informante a man do seu veterinario.

Cómpre facer unha advertencia máis canto ás voces que seguen e ó seu significado. Aínda que intentamos diferenciar cando se designa a larva do parasito e cando se designa o avultamento que produce na pel, non sempre atopamos clara esta distinción nas descricións que dan as nosas fontes. Así, por exemplo, separamos un *vérrago 1*, co significado de larva, dun *vérrago 2*, co significado de vulto. É máis que probable que o gandeiro ou os gandeiros que deron a tal palabra a utilizasen indistintamente para designaren os dous conceptos, e que as distincións se deban fundamentalmente a un criterio clasificador do lingüista, pero nós recollémo-las voces co significado que lles dan as nosas fontes.

---

[169] Familia *Tabanidae* o primeiro, e *Oestridae* a segunda.

[170] Por esta razón, ó non ter seguridade de cando se designa o verdadeiro tabán e cando se denomina con este nome a mosca da hipodemose, non recollemos nesta monografía as diferentes formas que se utilizan: *tabán*, *tabao*, *atabán, tabau* etc.

[171] Chama a atención que o noso informante dea esta descrición falando dunha enfermidade do fígado baixo o nome de *vaca picada*.

[172] Son dous produtos comerciais: o *Polvo Cooper* (do laboratorio Cooper Zeltia) a base de rotenona extraída da raíz de *Derris eliptica*, e o *Ruelene 25-E* (de Laboratorios Iven) que é un fosforado sistémico. Ningún dos dous aparece nos últimos vademecum de medicamentos veterinarios.

En calquera caso, resulta inverosímil que *carafunchos, carapolas, medras* (e variantes) ou *picaduras* nos veñan definidas como verme ou larva da hipodermose.

Canto á ortografía das palabras desta clase (*vérrago*/*bérrago* e variantes) véxase o que dixemos no capítulo introdutorio verbo do betacismo (1.8.4.2. *Cousas do consonantismo*).

7769 **barro** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto producido pola larva de *Hypoderma bovis* no tecido subcutáneo da pel do lombo. Ás veces, a mesma larva. A nosa fonte en Carr-G explícao como "insectos que depositan sus huevos encima de la vaca y estos penetran dentro de la piel"; en Oroso2: "*Berrago* (barro): o que fai moscar a vaca. Vaca muy flaca que tiene gusanos entre la piel y la carne. Le echan insecticida en Junio". Nos dous casos designan a larva (máis exactamente a mosca da que procede). Pero Eladio Rodríguez define como: "Tumores pequeños que salen al ganado mular y vacuno", é dicir, o vulto. (Arroxo, Cam1, Cam4, Carr-G, Com1, ERG, Gud., Lama, Laraxe, Oroso2, Oza, Saln., San., Sou3, Vboa).

7770 **beldro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. (Com1).

7771 **borreca 2** *s.f.* Ver BORRENCHA /7773. (Taboa.).

7772 **borreco** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BORRENCHA /7773. (Antas3).

7773 **borrencha** *s.f.* Vulto formado pola larva do *Hypoderma bovis*. (Goián).

7774 **brouco** *s.m.* Quiste na pel como consecuencia da hipodermose. (Nete).

7775 **bullaco** *s.m.* Quiste na pel como consecuencia da hipodermose. En ERGa, citando a Anibal Otero, tamén na Gudiña, *vullaco*. Tamén LG o escribe con uve: *O verme que lle fura o coiro, provocándolle 'tofeos' ou tumores e os conseguintes 'toromelos' ou inchazóns, mal que se denomina 'vullaco'* (LG:10.05.1998). (Gud2, LG).

7776 **burreco** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *burrecos* (Fara).

7777 **carafuncho 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Hipodermose. O noso informante de Noia explícao como "Furúnculos, son unha especie de grans grandes que collen pus e tes que exprimilos, sinon non curan". Pode estar a falar dos avultamentos que se observan na hipodermose, pero tamén de calquera abceso subcutáneo. (Medín, Noia).

7778 **carapola** *s.f. Ú. m. en pl.* Hipodermose. (Teo).

7779 **cativeiro 1** *s.m.* Hipodermose. En Camariñas din que o cativeiro é a larva que hai dentro do quiste; en Compostela, o vulto. Eladio Rodríguez recólleo como *cativerio* pero semella un erro tanto pola ordenación alfabética das entradas como porque na fraseoloxía que ofrece escribe por tres veces *cativeiro*. Define como: "Erupción que suele presentarse en todo el cuerpo al pasar de una vida de hambre, privaciones o miseria, a una vida de comodidad y en la que nada falta". Dános tamén a expresión *botar fòra o cativeiro*, que significa "recobrar las fuerzas perdidas, reponerse físicamente". (Bidu., Calo, Cam1, Com1).

7780 **érrago 1** *s.m.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *hérrago* (Gud., Mez). (Gud., Mez., Porto).

7781 **esvergho** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VERGO 1 /7809. A nosa fonte escribe *esberjos*. Outro informante do mesmo concello de Abegondo (Crendes) recolle *esberros*. (Leir-A).

7782 **esvérrago** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *esbérragos*. (Burela1).

7783 **esverro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *esberros*. Ver nota a ESVERGHO /7781. (Crendes).

7784 **flairucho** *s.m. Ú.m. en pl.* O noso informante defíneo como "tabaniños que lle deixan [á vaca] como lembranza os rasgos ou quistes". (LG).

7785 **gholdra** *s.f* Quiste na pel. A nosa fonte escribe *joldra*. (SComba).

7786 **ghusano** *s.m.* Larva de *Hypoderma bovis*. A nosa fonte escribe *jusanos*. (Cur.).

7787 **ilobos** *s.m.pl.* Hipodermose. (Zamáns).

7788 **inchazo 3** *s.m.* Vulto producido pola larva de *Hypoderma bovis*. (Saiar).

7789 **lixo 4** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "parásito que se coloca entre la piel y el cuerpo, no dejando engordar al animal". Debemos deducir da explicación que se trata dun caso de hipodermose, pero chama a atención que lle atribúan a falta de medrío do animal enfermo, cando a maioría dos informantes consideran positiva a presenza destas larvas baixo a pel, como vemos noutras voces. (Antas3).

7790 **medradeiras** *s.f.pl.* Ver MEDRAS /7791. (Gud., Mez., Porto, XER).

7791 **medras** *s.f.pl.* Hipodermose. Aparece na primavera e a xente relaciónaa co bo comer e bo aspecto do animal e atribúea a medrío. (Saln.).

7792 **medrías** *s.f.pl.* Ver MEDRAS /7791. A nosa fonte defíneo como os vultos na pel. (Noalla).

7793 **medrío** *s.m.* Ver MEDRAS /7791. A nosa fonte defíneo como o vulto. (Baiona, Borre., Saln.).

7794 **melro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VELRO 1 /7805. As nosas fontes escriben *melros*. (Figue2, Poulo, Vviño).

7795 **mermes** *s.m.pl.* Hipodermose. A nosa fonte defíneo como "quistes de tábano en el lomo de las vacas", pero ¿será un erro por *vermes*? (Rama.).

7796 **orgho** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver ORGO 2 /8698. As nosas fontes escriben *orjos*. O noso informante en Medín advirte que o primeiro o é aberto. (Gaxate, Medín).

7797 **picaduras** *s.f.pl.* Hipodermose. Sisto: *picaduras d'un abellón*, Noal: *picaduras dos tabaos*. (Noal, Sisto).

7798 **quiste 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto producido pola larva de *Hypoderma bovis*. (Arme., Gui., Troán1).

7799 **rago** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. (Bidu., Calo).

7800 **rasgo** *s.m. Ú. m. en pl.* Quiste na pel como consecuencia da hipodermose. Ver FLAIRUCHO /7784. (LG).

7801 **roncha** *s.f.* Vulto producido pola larva de *Hypoderma bovis*. (Buga-A, Oirán, TapiaC).

7802 **tofeo** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que se forma na pel. *O verme que lle fura o coiro, provocándolle 'tofeos' ou tumores e os conseguintes 'toromelos' ou inchazóns, mal que se denomina 'vullaco'*. (LG:10.05.1998).

7803 **toromelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto na pel. Ver TOFEO /7802. (LG).

7804 **várrago** *s.m.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. As nosas fontes escríbeno con be. Rivas Quintas explica que *bárrago*, *bérrego*, *berco* etc. derivan todos de *barro*: "dureza especial en la piel", o mesmo que *berruga* ou *verruga* (ERQ2:22). (Drago., VGR).

7805 **velro 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. Tódalas nosas fontes escríbeno con be, e Rus: *belros na piel*. (Bas., Com1, Covas, Nive., Oirós, Rus, San.).

7806 **verbo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *berbos*. (Figue2).

7807 **verco** *s.m.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. As nosas fontes escríbeno con be. (Lim1, Xun.).

7808 **vergho 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VERGO 1 /7809. Tódalas nosas fontes escriben *berjos*. (Callo., Carde., Codeso., Fuxás, Gaxate, Pedro., Pre., Santi., Verdu).

7809 **vergo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. Tódalas nosas fontes escríbeno con be. Só Cris. e MCouso o recollen en singular. (Arzúa2, Boi., Cris., Feás-A, Gui., MCouso, Mel1, Nove., Nove2, Parga).

7810 **verlo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. Tódalas nosas fontes escríbeno con be. Celas recólleo en singular. (Cast., Celas, Com1, Eixo, TapiaC).

7811 **verme** *s.m. Ú. m. en pl.* Larva de *Hypoderma bovis*. Non sendo en Cur., os nosos informantes escriben sempre *bermes*. (Callo., Couce., CTui, Cunt2, Cur., Guil2, Lagar., Neves2, Salv3, Somo2, Valad1).

7812 **vermio** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *bermios*. (Morga).

7813 **verno** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *bernos*. (Meir.).

7814 **verraco** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. (PSeca, Sabu3, VFrore.).

7815 **vérraco 1** *s.m.* Ver VÉRRAGO 1 /7819. A nosa fonte escribe *bérraco*. (Xun.).

7816 **vérraco 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte *bérracos*. (Xun.).

7817 **vérragho** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. Tódalas nosas fontes escriben *bérrajos*. (Anca, Arca, Caa., Cerd2, Cervá2, Cur1, Fol-C, Lago, Lucí, Neda, Oliv., Somo1).

7818 **verrago 1** *s.m.* Ver VÉRRAGO 1 /7819. O noso informante descríbeo como a larva (Ve-lo comentario a BARRO /7769). (Oroso2).

7819 **vérrago 1** *s.m.* Larva de *Hypoderma bovis*. As nosas fontes, quitadas do *Glosario de voces galegas de hoxe* definen como "gusano que ataca al ganado vacuno" e escriben *bérrago*. (Cab., Feás-A, Gui., Mra., Ped1, Per).

7820 **verrago 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. Tódalas nosas fontes escriben *berragos*. (Amandi, Baña2, Barre., Ced., Mira., Negral, Nove2, Oroso2, Rib-S, Vilar).

7821 **vérrago 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Avultamento nos tecidos subcutáneos producidos pola larva do *Hypoderma bovis*. Tódalas nosas fontes, agás Damil, recólleno en plural e, agás Vilaf., escríbeno con be. O noso informante en Vilaf. explica claramente que os *vérragos* son os vultos e que, cando se apertan dan saída a un verme. *¡Heiche unta-los bérragos!* é loc. da Fonsagrada que se utiliza como ameaza de castigo. (Burón, Caa., Cab., Cal., Ced., Com1, Damil, Feás-A, Fons., Fri., Gui., Incio, Mez., Mon., Mra., Ped1, Piquín, Suarna, Vala., Vilaf. ILG: 34 (LU:22, PO:9, GExt.:3)).

7822 **verrao** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *berraos*. (Lava.).

7823 **verre 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. (Fra., Grixó).

7824 **verreco** *s.m.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *berreco*. (Piñei2).

7825 **vérreco** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *bérrecos*. (Ram.).

7826 **vérregho** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. As nosas fontes escriben *bérrejos*. (Cervá1, Pade., Ribe1, Vmaior).

7827 **verrego** *s.m.* Ver VÉRREGO 1 /7828. (ERG).

7828 **vérrego 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae na pel ás vacas, *a consecuencia da picadela da mosca raxada* (Parade.). Ibáñez e Carré escriben *vérrego*; o resto das nosas fontes escriben *bérrego* (ERQ, Parade., VLQ) ou *bérregos* (o resto). Ben.: *Berregos: barros. Estrujanse pra que saya o verme. Pensase que salen cando a vaca ta medrando*. A fonte non usa os tiles e por iso supoñemos que será *bérregos*. Noalla3: *É da fame que pasan no monte. Curan con só comer*. (Alla2, Ben., Caban., Carbal., Ces., Chan., ERQ, IBA, Incio, LCA1, Noalla3, Pantón, Parade., Piñor, Ribó, Sabu2, TMon1, VLQ).

7829 **vérrigo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *bérrigos*. (Veste).

7830 **verrio** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *berrios*. (Bar-Co).

7831 **verro 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 1 /7819. Para Pantón é o parasito que vive baixo a pel e causa o vulto, aínda que o *Glosario de voces galegas de hoxe* inclúeo entre os que o definen como o quiste. (Pantón).

7832 **verro 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. O noso informante en Carr-C explica que o *berro* é (ou causa) "daño en la piel y en la leche". As fontes quitadas do cuestionario do ILG e mais do *Glosario de voces galegas de hoxe* escriben *berros*. Antas3 é o único que o escribe con uve. (Antas3, Cam1, Com1, Dum., Feás-A, Gud., Lama, Laxe, Mel1, Razo, Saln., Sou3, Toba, Vboa., Vil. ILG: 56 (C:33, LU:3, OU:3, PO:17)).

7833 **verrugha 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto producido pola larva de *Hypoderma bovis*. As nosas fontes escriben *berrujas*. (Estr3, Fózara).

7834 **viderno** *s.m. Ú. m. en pl.* Avultamento nos tecidos subcutáneos producidos pola larva do *Hypoderma bovis*. (Gro2).

7835 **voldrega** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *voldregas*. (Aranga).

7836 **vulto 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Quistes na pel como consecuencia da hipodermose. As nosas fontes escriben *bultos*; Couce.: *bultos cos bermes*. (Anseán, Baltar, Camba, Couce., Gui., VFrore.).

7837 ***lobanillo** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto producido pola larva de *Hypoderma bovis*. (Baltar).

7838 **boza dos tabáns** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver VÉRRAGO 2 /7821. A nosa fonte escribe *bozas dos tabans*. (Sofán).

7839 **mosca da vaca** *s.comp.f.* Moscón máis grande có tabán, causante dos barros nas vacas. Trátase do *Hypoderma bovis*. (Cam1).

7840 **mosca raxada** *s.comp.f.* Mosca á que atribúen, pola súa picadela, a orixe dos vérregos. Disque fai remosca-lo gando máis có tabán. *Enrellar-se é ferir-se as xugadas coa rella cando remoscan (moscan) os días de moita calor coa chamada mosca raxada e cos tabaos* (Parade.:64). Xun2 define así: "Clase de mosca grande, de picadura dolorosa; su color es negro listado (F. de Vila). En el dicc. aparece *raxar*, rayar. De las moscas se dice en Fondo de Vila: *San Roque dálle ás moscas co palitroque*; San Roque es en Agosto, cuando más suelen abundar las moscas". Cal. e Mra. definen como bolboreta que ataca ó gando vacún. (Cal., Mra., Parade., Xun2).

7841 **verrugha da picada** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver VERRUGHA 2 /7833. A nosa fonte escribe *berrujas da picada*. (Valen).

7842 **picada 2** *adx.* [Vaca] que padece hipodermose. A nosa fonte explícao como unha enfermidade do fígado caracterizada por vultos e chagas no lombo. Paga a pena transcribi-la descrición que fai a nosa fonte: "Enfermedad del higado: *vaca picada*: se caracteriza por unos bultos en el cuerpo que acaban por estallar y convertirse en llagas. En caso de que llueva y estas llagas se mojen, la vaca muere. En caso de no mojarse se cura por si sola". Puntualicemos unha cousa: a hipodermose é unha enfermidade parasitaria que non afecta en absoluto o fígado. Outra cousa é que coincida con outra enfermidade, non menos infrecuente no noso gando, como é a distomatose hepática, pero esta non produce en ningún momento estes vultos no dorso dos animais. Vai saber se o noso informante tivo algunha vez unha vaca coas dúas patoloxías e que pensara que se trataba dunha mesma enfermidade. (Car2).

7843 **bota-lo cativeiro fóra** *loc. v.* Expulsa-la larva do *Hypoderma bovis* [unha vaca]. (Cam1).

7844 **te-las medras 1** *loc. v.* Padecer unha hipodermose. (Saln.).

7845 **te-lo medrío** *loc. v.* Ver TE-LAS MEDRAS 1 /7844. (Baiona, Saln.).

7846 **te-lo vérrego** *loc. v.* Ver TE-LOS VERROS /7848. Lis Quibén escribe *bérrego*. (ERG, ERQ, VLQ).

7847 **te-los barros** *loc. v.* Ver TE-LOS VERROS /7848. (Cam4, Com1, ERG, Lama, Saln., San., Sou3, Vboa).

7848 **te-los verros** *loc. v.* Padecer unha hipodermose. (Cam1, Com1, Dum., Feás-A, Gud., Lama, Laxe, Mel1, Pantón, Razo, Saln., Sou3, Toba, Vboa., Vil.).

8.4.5. Miase

Consiste na infestación de feridas e mucosas dos orificios naturais producida por larvas de dípteros, vulgarmente moscas, que se alimentan de tecidos vivos ou mortos, líquidos e secrecións corporais ou alimentos inxeridos (no caso das miases gástricas, propias dos cabalos). Poden presentarse en case tódalas especies de vertebrados, incluído o home.

As formas más coñecidas, por evidentes, son as larvas de moscas nas feridas abandonadas, que poden causar graves infeccións e necrose da zona. Tamén, as que aparecen nas proximidades dos orificios naturais sucios polas dexeccións ou outras secrecións en descomposición, en particular na rexión anal, vaxinal, prepucio, pavillón auditivo e ás veces nas fosas nasais e nos beizos. As consecuencias desta praga no gando son unha maior frecuencia de infeccións das feridas, que tenden a ulcerarse, e unha gran irritabilidade nos

animais. Por outra banda, as moscas constitúen un importante vector de diferentes enfermidades infecciosas, como as mamites estivais.

A relación completa de dípteros causantes de miases en España, tanto nos animais domésticos coma no home, abarca un total de 47 especies diferentes (DMSC:19-26).

A loita contra as moscas debe ir dirixida contra o insecto adulto (a base de insecticidas) e contra as larvas (larvicidas aplicados nos puntos de cría máis frecuentes: cama, esterco, xurro ou calquera zona húmida), e apoiarse na mellora das condicións xerais de limpeza das cortes, xa que a sucidade fomenta o seu desenvolvemento.

7849 **caraixeira** *s.f. Ú. m. en pl.* Larva de mosca que se cría en torno ó ano do gando vacún. (Vil.).

7850 **mosca da egua** *s.comp.f.* Mosca que pon os seus ovos no ano e na vulva das eguas e tamén das vacas que pacen con elas. (Cam1).

7851 **escarrapatarse** *v.* Metérselle [ó gando] as moscas entre o pelo. "Meterse las moscas entre el pelo de la piel del ganado o en parte estrecha" (ERQ1:81). (Fra.).

8.4.6. Pediculose

Enfermidade parasitaria provocada polos coñecidos piollos, insectos ápteros (sen ás) que parasitan aves e mamíferos, ós que lles chuchan o sangue (*Anoplura*) ou que comen as escamas da pel, fragmentos de pelo e exudados cutáneos (*Mallophaga*). Normalmente, a parasitación só afecta animais desnutridos e mal coidados. Cursa con intenso proído e caída do pelo en forma de manchas ou zonas extensas, sobre todo polo lombo, nos cadrís, no nacemento do rabo e na bragada; e non produce vesículas nin pústulas.

7852 **te-la piolla** *loc. v.* Padecer pediculose. (Mond2).

7853 **te-la rela** *loc. v.* Padecer pediculose. Descamación da pel causada por piollos (ou pop. polo serrín da couza). Tamén é roña na pel sucia. (ERQ, Sou3, Vboa).

8.4.7. Sarna

É unha dermatose contaxiosa producida por ácaros (*Psoroptes communis ovis* var. *bovis*, *Sarcoptes scabiei* e *Chorioptes bovis*) e caracterizada por un proído intenso e alteracións eccematosas, con engrosamento da pel, bostelas e caída do pelo, formando ó cabo do tempo amplas zonas depiladas e engurradas. A enfermidade é moi contaxiosa e afecta máis os animais máis novos e mal nutridos, cursando con diminución das producións e menores incrementos de peso (pola intranquilidade dos animais).

Descríbense tres formas: *sarna sarcóptica*, que se estende pola cabeza e o pescozo e despois ó resto do corpo; *sarna psorióptica*, semellante en localización e extensión á anterior; e *sarna corióptica* (antes *simbiótica*), que se localiza, sobre todo, nas extremidades, parte interna das coxas e base do rabo (sarna caudal). Produce unha forte dermatite no bordo coronario e pode chegar a provoca-la caída do pezuño.

En Sanxenxo (Noalla) e Verducido (Verdu.) cúrana con xofre. En Ardán (Marín), danlle fregas con auga de ferver palla centea (ERQ1:74). Tamén disque é bo o acónito (*Aconitum napellus*), pero coa advertencia de que pode provocar intoxicacións (AGS:28).

Xa nos libros de patoloxía veterinaria antigos recomendábase o uso do xofre ou do petróleo no tratamento das sarnas.

> *As enfermedades da pel eran frecuentes; ganáballe a todas a sarna; todos coñecían a pomada de Helmerich a base de xofre e manteiga. Con ela curábase e logo volvía por non limpar a pel* [173].

7854 **arador** *s.m.* Ácaro que perfora os pezuños do gando. (Arroxo, Burón, Suarna).

7855 **comechume** *s.m.* Sarna. (Toba).

7856 **estiza** *s.f.* Sarna. (IBA, LCA1, MVN, Parade.).

7857 **muxa 1** *s.f.* Sarna do gando vacún que produce caída de pelo. O noso informante en Toba defíneo exactamente como "enfermedad de la vaca por la que se le cae la piel". Realmente, a sarna provoca prurito e descamación da pel, con perda do pelo, pero resulta esaxerado

[173] MRP:98. Co nome de *pomada de Helmerich* denomínase un tratamento histórico contra a sarna en humana e veterinaria, xa obsoleto. *Merece ser lembrada apenas como de valor histórico, a chamada Pomada de Helmerich - cuja base, o enxofre, foi um dos primeiros medicamentos instituídos ao combate do parasita* (http://www.vira-lata.org/doc1.shtml [6.02.2007]).

dicir que *se le cae la piel*. En Catoira din que *parece que ten a muxa* cando un neno está moi cativiño. (Abe., Guil., Guil2, LG, Toba, XERCG).

7858 **rabuñón** *s.m.* Sarna. (Ver1).

7859 **raña** *s.f.* Sarna. (Burón, Caa., Cab., Cal., Feás-A, Mel1, Ped1, Piquín, Suarna, VLLM, Xun.).

7860 **rempinxes** *s.f.pl.* Sarna. A nosa fonte descríbeo como unha enfermidade que "se caracteriza por la caída de la piel", e engade que se cura con xofre. A descrición pode corresponder a unha tiña ou a unha sarna. En calquera caso, insistimos en que non se pode falar dunha caída da pel senón simplemente de caída de pelo e posterior descamación da pel. (Caban).

7861 **roña** *s.f.* Sarna. (Noalla).

7862 **sabuxa** *s.f.* Sarna. No barallete. (Morei., XCC).

7863 **sarna** *s.f.* Enfermidade parasitaria da pel que produce un intenso proído. (Cal., Com1, Dum., ERG, Feás-A, Gro1, Mon., Pantón, Ram., Razo, SComba, Verdu., Vil., Xun.).

7864 **sarne** *s.f.* Ver SARNA /7863. (Goián, Gro1).

7865 **muxa 2** *adx.* [Vaca] que ten mal pelo ou a que o perde. (Ctel1).

7866 **muxenta** *adx.* [Vaca] que pela entre as pernas. *Ponse muxenta a vaca*. O noso informante en Noalla defíneo como "alopecia general". (Arc1, Noalla, Piquín).

7867 **rabicho** *adx.* [Animal] que ten o rabo pelado por causa da muxa. (LG).

7868 **rañoso** *adx.* [Animal] sarnento. (VLLM).

7869 **xarneco** *adx.* [Animal] que perdeu completamente o pelo por causa da muxa. (LG).

7870 **ensarnarse** *v.* Encherse de sarna. (ERG).

7871 **estar picado da muxa** *loc. v.* Padece-la *muxa* -sarna- con caída de pelo. (Guil).

7872 **porse muxenta** *loc. v.* Pelar [unha vaca] por entre as pernas, a consecuencia da sarna. (Piquín).

7873 **te-la muxa** *loc. v.* Padece-la *muxa*, sarna do gando vacún. (Guil).

Á vaca fraca non lle faltan chocas e raña. (VLLM:1,132) [174]
Ó boi fraco non lle falta raña e argabazo. (VLLM:1,129) [175]
Cada boi raña onde lle proi. (RCI:142)
En gado rañoso non fites o ollo. (VLLM:2,87) [176]

8.5. Patoloxía médica

A patoloxía médica ou medicina interna é a rama da medicina que estuda as enfermidades producidas por causas non infecciosas nin parasitarias, habitualmente localizadas en órganos internos e non accesibles ós procedementos cirúrxicos ordinarios.

8.5.1. Conxuntivite e cataratas

Entendemos por conxuntivite a inflamación da conxuntiva, membrana que recobre a cara interna das pálpebras e a esclerótica (cápsula que rodea o globo ocular na súa parte anterior), formando un saco con fondos cegos nos pregos entre as pálpebras e o ollo; é transparente na súa parte central, onde forma a córnea. A conxuntivite caracterízase polo arrubiamento e a secreción abundante e aparece como síntoma dalgunhas enfermidades infecciosas ou como consecuencia de fenómenos alérxicos, axentes químicos ou, habitualmente, traumatismos no ollo, moitas veces por corpos estraños.

Na córnea tamén poden aparecer opacidades máis ou menos amplas que provocan a perda da transparencia deste órgano: son as cataratas ou popularmente, *belidas, nubes* ou *panos*.

Outra enfermidade do ollo, independente da anterior aínda que poida xurdir como complicación, é a opacidade do cristalino ou lente interior do ollo. Pode ser de orixe traumática (feridas ou corpos estraños cravados), medicamentosa etc. e, no home, a causa máis frecuente é a idade. Pode ser unilateral ou bilateral e provocar perda de visión ou cegueira, parcial ou total.

Belida e variantes parece se-la denominación común deste proceso tanto na xente como no gando. Lis Quibén, refiríndose exclusivamente ás *belidas* humanas, escribe o seguinte [177]:

---

[174] Llópiz explica *chocas* como pegotes de bosta nas coxas e costas e *raña* como sarnícola dos animais mal atendidos. El dicir di *farta* pero entendemos que debe dicir *fraca*, non só para que o refrán teña xeito senón porque el mesmo dá un refrán paralelo: *Ó boi fraco non lle falta raña e argabazo*.

[175] Llópiz: *Ao*; explica que argabazo son *cazcarrias pegadas a las ancas de las reses ovinas y vacunas*.

[176] Llópiz recólleo en Palas de Rei e explica que o consello se debe a que estará cheo de carrachas e moscas.

[177] VLQ:285, pero cando se refire ó gando utiliza só a denominación técnica *conjuntivitis de las vacas* (VLQ:310).

Es ésta otra de las enfermedades que el vulgo padece con frecuencia, y designa con ese nombre a las manchas blancas, nubes, nieblas, puntitos y úlceras que aparecen en los ojos, produciendo disminución o pérdida de la visión, no cabiendo duda alguna que se refiere a las úlceras de la córnea.

Os tratamentos tradicionais que os gandeiros empregan contra as conxuntivites –*belidas*- simples ou ulceradas son moi diversos. Nós temos recollidos os seguintes procedementos [178]:

- Lavados do ollo con *auga de manzanilla* (Arc1), de amplo uso en humana contra calquera irritación dos ollos.
- Sopran no ollo cunha cuncha de choco ou xiba pulverizada (Arc1, Cam1, Figue1 [179]). Xa F. Martín Sarmiento recollía que *mezclados los polvos de concha de xibia con miel, calentándolo todo y puesto en los ojos, es el mejor colirio que, hacia el Seixo, se usa para el ganado mayor o menor* (FMS:415).
- Bótanlle sal moído no ollo (Callo.) [180] ou sopran no ollo tabaco ou sal, pois *canto máis lle bagulla o ollo, máis pronto cura* (Cam1); tamén en Camariñas utilizan mel, que lle fai menos mal á vaca. En Santiago (Figue1) empregan sal pisado e mel, e, en Piquín, mel e chacina queimados (Piquín: pano).
- Aplican sobre o ollo panos mollados en mexo (VLQ:310) ou mexan directamente sobre o ollo (Ver2). Supoñemos que así tratan de reproduci-lo emprego do sal noutros remedios.

Probablemente estes remedios para cura-las belidas dos animais irán acompañadas dalgún rezo fixado no uso pero só lembramos algún que figura no libro da Cruz de Caravaca para cura-las belidas humanas e tampouco temos constancia de que se use en Galicia [181].

Falando das belidas, presta ler en 16.1. os versos de Joan Maragall que titula *A vaca cega* e mailo relato *A memoria do boi* de Xosé Vázquez Pintor.

7874 **abelida** *s.f.* Ver BELIDA /7878. Temos dúbidas de que esta palabra sexa froito dunha aglutinación do artigo fem. co subst. *belida*. O mesmo informante recolle tamén para a mesma enfermidade a forma *cataratas* e é baixo este nome onde a describe: "fórmase una telilla nos ollos que as pode deixar cegas. Se cura cortándoa con unas tixeiras". (Culle).

7875 **albugo** *s.m.* Mancha branca, *belida*, formada na córnea do ollo. (ERG).

7876 **avelaíña** *s.f.* Belida. (ERG).

7877 **avenida** *s.f.* Catarata no ollo da vaca. Sorprende a relación semántica entre *avenida* (corrente impetuosa de auga nun río) e *catarata* (caída brusca de auga desde gran altura nun río ou lago). ¿Estaremos ante unha traslación de significados ou unha simple coincidencia? Pero tampouco podemos excluír que se trate simplemente de que os colectores oíron *a belida* e entenderon que lles estaban falando dunha *avenida*, pero non é verosímil. A favor da autenticidade desta palabra xoga o feito de que sexan dúas persoas distintas en lugares distintos (Carballedo en Cotobade e Vilaxoán en Vilagarcía). (CarbCo., Vxoán).

7878 **belida** *s.f.* Mancha branca ou catarata nun ollo. Eladio Rodríguez recólleo con be e con uve, pero co mesmo significado: *belida*: "nube blanca del ojo, catarata en el ojo. Muchos escriben *velida*". E *velida*: "catarata, nubecilla blanca del ojo; úlcera de los ojos". Engade que "figura con *b* (*belida*) en el Diccionario de la Academia Gallega, pero en casi todos los escritos aparece con V, y así lo emplean nuestros literatos" (ERG: s.v. *velida*). Aínda así, o VOLGa recólleo con be. (Caa., Cab., Com1, CP, Cre., Cur., ERG, Fri., Gui., Gun., JMP, Miñor2, Pont., SComba, Sob., Toba, Vala. ILG:40 (C:27, LU:2, PO:11)).

7879 **belide** *s.f.* Ver BELIDA /7878. (Fol-C, Lemos1, Lemos2).

7880 **belilla** *s.f.* Ver BELIDA /7878. A nosa fonte en Ben., Mondo1 e Vala1 escríbeno con uve. (Ben., Mel1, Mondo1, San., Vala1).

7881 **bellide** *s.f.* Ver BELIDA /7878. (PL).

7882 **bilida** *s.f.* Ver BELIDA /7878. (Calo, Cervá1, Cervá2, Com1, Cur., Dum., JMP, Vilar).

7883 **blida** *s.f.* Ver BELIDA /7878. (Com1, Estr4, San.).

7884 **calixén** *s.f.* Catarata, opacidade do cristalino, nube dos ollos. (ERG).

7885 **carraza 2** *s.f.* Catarata no ollo da vaca. (Vil.).

7886 **catalata** *s.f.* Ver CATARATA /7887. (Abadín, Alence, Barre., Buga-A, Caa., Cal., Com1, Consta., Crendes, Damil, Dum., Feás-A, Figue1, Lampón, Laxosa, Mira., Mra, Neda, Poulo, Razo, San., Vviño).

7887 **catarata** *s.f.* Opacidade branca no cristalino do

[178] En Culleredo (Culle.) din o seguinte respecto ás cataratas: *fórmase una telilla nos ollos que as pode deixar cegas. Se cura cortándoa con unas tixeiras*. A verdade é que non entendemos que *telilla* poden cortar nos ollos cunhas tesoiras.

[179] Santiago (Figue1): *concha d'enchiva* (sic).

[180] Callobre: *Ás belidas bótaselle sal molida; faise un petillo de sal (flojo), cóutase a vaca e sóplaselle o ollo, e sana a vaca*.

[181] *Nube, nube, / de sangre y agua formada; / en honra y gloria / de la Santísima Trinidad + / que sea prontamente curada.* Ou ben estoutro, que se repite durante nove días: *Madre de San Simeón, / abogada contra las nubes +; / clara es la luna, / claro es el sol, / clara sea la vista de N, / por vuestra intercesión* (An20:140).

ollo. En plural recólleo Culle.,Incio e Laxe. (Arzón, Caban., Car2, CarbCo., Cer., Conxo, Culle., Incio, Lago, Laxe, Mondo2, Mosen., Nove2, Pal., PSeca, Rábade, Rib-S, SComba, Sisán, Vrei.).

7888 **catrolata** *s.f. Ú. t. en pl.* Ver CATARATA /7887. (Cer., Com., Gui.).

7889 **cega** *s.f.* Catarata, mancha branca no ollo. (Gun).

7890 **cravo** *s.m. Ú. t. en pl.* Mancha branca no ollo da vaca, catarata. Bar-Co recólleo en plural e con be: *crabos*. (Común).

7891 **garfón** *s.m.* Catarata no ollo da vaca. (Mez).

7892 **ghafo** *s.m. Ú. m. en pl.* Catarata no ollo da vaca. A nosa fonte escribe *jafos*. (Neves2).

7893 **ghaia** *s.f.* A nosa fonte defíneo como "catarata no ollo da vaca" e escribe *jaia*. (Cast).

7894 **leucoma** *s.m.* Mancha branca que aparece na córnea do ollo. (ERG).

7895 **liñaseira** *s.f.* Mancha branca nos ollos dos animais. Ver LIÑACEIRA 1 /7410. (Bamio).

7896 **lista** *s.f.* Catarata no ollo do gando. (Cal.).

7897 **luna** *s.f. Ú. m. en pl.* Catarata no ollo da vaca. (Callo., Nove).

7898 **lunar** *s.m.* Catarata no ollo da vaca. (Arca, Medín, Nove).

7899 **meniña** *s.f.* A nosa fonte defíneo como "catarata no ollo da vaca", se ben sospeitamos dun erro na colleita da información. (Antas3).

7900 **minura** *s.f.* Catarata no ollo da vaca. (Abe.).

7901 **miopía** *s.f.* A nosa fonte defíneo como "catarata no ollo da vaca". Probablemente, informante ou colector confundan a causa co efecto. (Mondo2).

7902 **nebla** *s.f.* Ver *NIEBLA /7916. (Piñor).

7903 **neboeira** *s.f.* Ver NUBE /7905. (Ram., Ribó).

7904 **nébola** *s.f.* Ver *NIEBLA /7916. (Mour1, Verdu).

7905 **nube** *s.f.* Catarata no ollo da vaca. (Camba, Fol-LE, Gaxate, Negral, Noalla, Nove2, Val-LE).

7906 **nublo** *s.m.* Ver *NIEBLA /7916. (Enxames).

7907 **oñato** *s.m.* Ver UÑATO 2 /7912. Medín só explica que "ataca a la vista y no ven, se curan cortandoselos". Resúltanos inverosímil pensar que un gandeiro se poña a cortar algunha cousa no ollo dunha vaca. Supoñemos que se trata dunha acción ritual máxica na que metaforicamente se lle corta a vaca a tea que lle impide a correcta visión e no rito mesmo poden utilizar unha tesoira. Tratamento similar dábano-lo informante de Culle., máis explícito: "*catarata*s: fórmase una telilla nos ollos [...] Se cura cortándoa con unas tixeiras". Outros informantes dannos formas paralelas: *pano*/ *paño*, *tea*/ *tela*/ *telilla*, *velo* e *pelexo*, pero tamén deben entenderse como manchas brancas na córnea, con perda da transparencia, non como formacións externas que se poidan cortar. Boi. parece escribir *onato*. (Boi., Medín).

7908 **pano** *s.m.* Catarata no ollo da vaca. (Amandi, Anseán, Aranga, Arroxo, Baíñas, Baltar, Baña2, Bidu., Burgo, Burón, Cab., Cadrón, Calo, Cang2, Car2, Carr-G, Ced., Ces., Codeso., Com1, Cubi2, Cur., Dúas, Estr3, Fre., Frei., Gud., Incio, Macei., Mour1, Negra., Oirán, Oroso1, Oroso2, Parga, Pedro., Peno., Piñei2, Piquín, Porto, Suarna, Tab3, VFrore., Vixoán., Xudán1).

7909 **sebia** *s.f.* Cuncha interna da xiba, ancha, case oval e branca, cando seca. Utilízase, pulverizada, para cura-las belidas. A nosa fonte escribe *sevia*. Debe ser *sebia* (do latín *sepia*). (Moura.).

7910 **tea** *s.f.* Catarata no ollo da vaca. *Un coyo mal guindado foille sacar un ollo e cubréuselle o outro d'unha tea: está cega*. (JM:40).

7911 **tenéboa** *s.f.* Catarata no ollo da vaca. A palabra parece aludir a unha pequena escuridade, unha tebra, palabra que procede do latín *tenebra*, coma se *tenéboa* for filla dun diminutivo **tenebula*, pero esa palabra non se documenta en latín: documéntase *tenebella*. (MCouso).

7912 **uñato 2** *s.m.* Catarata no ollo da vaca. (Arzúa2, Rendal, Santi., Sende).

7913 **velaína** *s.f.* Ver AVELAÍÑA /7876. (Rib2).

7914 ***clavillo** *s.m.* Ver CRAVO /7890. (San.).

7915 ***clavo 1** *s.m.* Ver CRAVO /7890. (Antas3, Arca, Callo., Carbal., Chan., Com1, CTui, Cunt2, Guil2, Laiosa, Morga., Mra., Oliv., Penela, Piñe., PSil, Rama., Ribó, Sete-L, Tabor., Valad2).

7916 ***niebla** *s.f.* Ver NUBE /7905. O noso informante en Sete-L defíneo como "Especie de telaza branca que cubre o ollo ou parte del. Se está na meniña impide a visión". (Alla2, Carño2, Cere., Chan., Fara., Melias, Mon., Mra., Piñe., Piñei2, Sabu2, Sabu3, Sete-L, Veste., Xun., Zamáns).

7917 ***paño** *s.m.* Ver PANO /7908. (Cam4, Cerd2, Lamas, Taboa., Vill-O).

7918 ***tela** *s.f.* Ver TEA /7910. (Valad1).

7919 ***telilla** *s.f.* Ver TEA /7910. (Sisto).

7920 ***velo 2** *s.m.* Ver PANO /7908. (Ribad).

7921 ***venilla** *s.f.* Ver BELIDA /7878. (Macei.).

7922 **nube do ollo** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver NUBE /7905. (Moura.).

7923 ***niebla no ollo** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver *NIEBLA /7916. (Taboa.).

7924 **cravo no ollo** *loc. s.* Ver CRAVO /7890. (Pont., Saln.).

7925 **pano no ollo** *loc. s.* Ver PANO /7908. (Vi-Val).

7926 **pelexo flogho** *loc. s.* Catarata no ollo da vaca. A nosa fonte escribe *pelexo flojo*. (Sofán).

7927 ***clavo no ollo** *loc. s.* Ver CRAVO /7890. (Común).

7928 ***velo no ollo** *loc. s.* Ver PANO /7908. (Figue2).

7929 **apañado** *adx.* [Ollo] cuberto dunha opacidade branca chamada pano ou catarata. (Dis.).

7930 **cegada** *adx.* [Vaca] que perdeu a vista por ter cataratas nos ollos. (Busta).

7931 **cegha** *adx.* Ver CEGADA /7930. A nosa fonte escribe *ceja*. (Grixoa, Morai.).

7932 **cuberto 2** *adx.* [Ollo] cuberto por unha catarata. (Figue1, Viso2).

7933 **chosca 4** *adx.* Ver CEGADA /7930. (Corb., Lous., Pade., Pal., Ribe1).

7934 **garzo** *adx.* [Animal] que ten manchas brancas nun ou nos dous ollos, a causa de cataratas. *É garzo dun ollo*. O informante engade que se di, sobre todo, das cabalerías. (Barcia).

7935 **lixada** *adx.* [Vaca] que ten os ollos cubertos por cataratas. (Saiar).

7936 **reloghera 2** *adx.* [Vaca] que ten problemas na vista por cousa de padecer cataratas. A nosa fonte escribe *relojeras*. (Sabu3).

7937 **delubar** *v.* Trata-las nubes dos ollos [ás vacas], botándolle o po da cuncha da xiba moída. (Moura.).

7938 **bailar a vista** *loc. v.* Ter [unha vaca] problemas na vista por cousa de padecer cataratas. (Cunt2).

7939 **cubrirse o ollo** *loc. v.* Saírlle [a un animal] unha belida no ollo. *Un coyo mal guindado foille sacar un ollo e cubréuselle o outro d'unha tea: está cega* (JM:40). (Com1, JM).

7940 **cubrirse o ollo de branco** *loc. v.* Ver CUBRIRSE O OLLO /7939. (Cur., Eixo).

7941 **ter un cravo no ollo** *loc. v.* Ter [a vaca] unha mancha branca nun ollo, sexa ou non leucoma. Os nosos informantes de Pont. e Saln. escriben *ter cravo no ollo*. (Común).

7942 **ter *clavos** *loc. v.* Ver TER UN CRAVO NO OLLO /7941. (Randu.).

O que compra vaca cega
pensando que sanará,
¡aínda os sans se volven cegos!,
e os cegos ¿qué farán? [182]

8.5.2. Cólicos de ril

Parécenos difícil chegar a un diagnóstico desta enfermidade no gando, e máxime que sexa o gandeiro quen o faga. De feito non temos ningunha denominación popular para designar este proceso aínda que si tratamentos populares. Máis ben parece tratarse dunha etioloxía pretendidamente fantasiosa para tratar de explicar algún tipo de dor cólico, coma tal os debidos ás indixestións, frecuentes nas bestas e, ¿por que non?, trasladables ó gando vacún; ou ben para calquera anomalía na micción, en cantidade, frecuencia ou cor, e que o gandeiro atribúa a un cólico de ril. En calquera caso, o tratamento a seguir, previsiblemente por similitude cos cólicos de ril humanos, inclúe provocar unha diurese, para o que aproveitan os mesmos remedios que os menciñeiros empregan coas persoas. Un dos máis utilizados consiste en beber unha infusión de *barbas de millo* (os estilos da mazaroca) (Morei.:307, Ctel1), que conteñen un aceite esencial, tanino, saponina e materias resinosas, que lles confire propiedades diuréticas [183]. De feito, en medicina tradicional humana utilízanse en infusión para réximes adelgazantes e contra edemas nas mulleres embarazadas, dor de próstata [184] ou cálculos de vexiga (AGS:175).

Igualmente, en Caritel (Ctel1) utilizan como diurético tamén o miolo da cana de millo [185] ou a campía ou grama das veigas de millo [186]. Noutras partes úsase con tal fin a carpaza (*Cistus hirsutus*) (Piquín, ERG).

Na Raia Seca dinnos que *as plantas chamadas milfollas e borraxa empréganse para irrigacións (urina) para o gando* [187].

---

[182] Camb1:50, Castre. Como non nos podía estrañar, este mesmo pensamento se aplica a outros animais: *Nunca compres cabra coxa que coxa xa se porá ela* (Gud5:89); *Non merques mula coxa pensando que vai sanar, nin cases con puta pensando que se vai enmendar* (XMSM:34); e mesmo á muller da nosa vida: *Arrimeime a unha coxa/ pensando que sanaba;/ si a sana se pon coxa,/ ¿qué fará a que coxa está?* (Gud5:69).

[183] *Y en verdad que esta acción ciertamente la poseen, con la gran ventaja de ser completamente inofensivos* (JAV: 54). Tamén Font Quer ten a mesma opinión das barbas do millo: *Las barbas o cabellera del maíz tienen virtudes diuréticas realmente eficaces y de acción muy segura cuando se aplican bien colectadas; no irritan jamás.... Además, la infusión de estos filamentos estilares es inocua, y puede consumirse cuanta se quiera* (FQ:946).

[184] Pero ARR:97 di que está contraindicado na inflamación de próstata.

[185] Font Quer cita un texto médico de 1788 que se recolle 66 historias *de hombres y mujeres de todas las edades, todos los cuales orinaron con dificultad y doloroso ardor y sanaron con el cocimiento de las cañas del maíz, tiernas o secas, y con los granos de la misma planta, también en cocimiento* (FQ:948).

[186] Refírense á grama das boticas, nome que designa o *Agropyrum repens* ou o *Cynodon dactylon*, herbas gramíneas moi comúns en calquera terra de labor e de recoñecidas propiedades diuréticas, para o que se utiliza o rizoma ou a planta enteira. Da segunda pódese mencionar tamén que cans e gatos a buscan instintivamente como purgante.

[187] Raiaseca:265. Supoñemos que o informante quererá dicir que se empregan para aumenta-la excreción de urina. A *milfollas* ou herba do carpinteiro, *Achillea millefolium*, non ten aplicación coñecida relacionada coa urina. A *borraxa*, *Borago officinalis*, si que é diurética e, polo visto, eficaz.

8.5.3. Edema mamario

Trátase dun transtorno circulatorio que provoca a acumulación de líquidos no tecido conxuntivo subcutáneo e intersticial da mama pero sen inflamación do tecido glandular mamario (o que o convertería en mamite). Aparece no ubre pouco antes do parto e adoita desaparecer sen tratamento ningún ó cabo de 7-10 días. Estes edemas son máis marcados e persistentes nas vacas primíparas e caracterízanse polo aumento de volume do ubre, ás veces moi aparente, cunha tumefacción difusa que pode limitarse ós tetos ou estenderse por todo o baixo ventre ata o esterno. Normalmente non se considera un proceso patolóxico aínda que representa un perigo polas complicacións que poidan acompañar. Ás veces o aumento de volume é tal que fai difícil e doloroso muxi-la vaca, provocando unha retención do leite e converténdose así nun cadro patolóxico. Nestes casos pódense producir desgarros, pódeno pisar e mesmo pode haber infeccións secundarias.

Tamén se pode presentar un edema mamario, de carácter patolóxico en si mesmo, fóra dos días anteriores ou posteriores ó parto.

En ocasións aparece na primavera e primeiros do verán, coincidindo coa abundancia de pasto. O momento coincide tamén coa chegada do cuco ó noso país [188], e de aí algunhas das denominacións populares que recibe esta enfermidade: *acucamento*, *ubre acucado* e *acucar* ou *encucar*. Así podemos entende-la tranquilidade e o escepticismo co que un gandeiro de Dozón recibía o diagnóstico do veterinario, ó que lle aseguraba que *en canto pase o tempo do cuco xa lle pasa de seu* (Dozón).

Tamén en Asturias se establece esta relación, e chaman *acucar* a este transtorno, que explican como un *exceso de leite* (LC:306 [189]).

Como xa explicamos na epígrafe 8.3.7. *Mamite*, a similitude, máis aparente que real, entre as dúas enfermidades explica que os remedios aplicados polos gandeiros sexan os mesmos que vimos naquel caso.

7943 **acucamento** *s.m.* O noso informante defíneo como dor no ubre por exceso de leite pola herba vizosa que medra na primavera. *Xa explicamos que a abundancia do leite na época do 'cuco'-a primavera, cando medra a herba-prodúcelles 'acucamento' ou dor no cochorro ou mamadeira*. (LG:26.04.1998).

7944 **anabada** *s.f.* Ver ANABADO 1 /7945. (Ced).

7945 **anabado 1** *s.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. Clasificámolo como subst. por simulitude con *anabada* que o *Glosario de voces galegas de hoxe* dá como substantivo pero, dado que existe o verbo *anabarse*, moi ben podía ser que *anabada* e *anabado* fosen adxectivos de ubre que, como se sabe, non en todas partes conserva o xénero masculino. (Fol-LE).

7946 **calbrazo** *s.m.* Endurecemento do ubre da vaca. (Car2).

7947 **cobre** *s.m.* Mamite ou edema mamario. (Mra.).

7948 **cobrío** *s.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Piñei2).

7949 **flamón 1** *s.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Callo).

7950 **flemón 1** *s.m.* Ver FLAMÓN 1 /7949. (Somo2).

7951 **inflemación** *s.f.* Endurecemento e inflamación do ubre. A nosa fonte engade que é polo tempo do cuco. Ver ACUCAR / 7985. (Piñor).

7952 **lixo 1** *s.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. Oroso2 relaciónao directamente cun edema mamario postparto e descríbeo así: "Ubre *acucao* o *lixo*: ubre azul y dura que echa sangre mezclada con leche". Negral di: "*Lixo* (o *Pulmoeira*): la 1ª tiene relación con la reducción de la leche de las vacas. La Pulmoeira también influye en ello pero su influencia es más extensa". (Agola., Codeso., Com1, Cur., Cur1, Gui., Medín, Negral, Oroso2, Rendal, Sende., Sob., XRMF4).

7953 **madrío** *s.m.* Endurecemento do ubre da vaca cando acaba de parir. (Vala., Xun.).

7954 **palmoeira 3** *s.f.* Edema mamario. Ver nota a PALMOEIRA 1 /7474 no capítulo da Mamite. Eladio Rodríguez lematízao en pl. (*palmoeiras*) e defíneas como: "Especie de infartos o tumores que aparecen en la ubre de algunas vacas paridas, y que cuando las ordeñan sale sangre en vez de leche". (Arzón, Barre., Bidu., Calo, Cam2, Cast., Com1, Conxo, Corb., Couso, CReis2, Cruído, Dum., ERG, Figue1, Fri., Grixoa, Lama, Lava., Lous., Mosen., Noal, Noalla, Noalla3, Nove., Oirós, PCal2, Pont., Pre., Razo, Rus, Saiar, San., Sisán, Somo1, Sou3, Tab1, TapiaC, Vboa., Vcova., Vxoán., XER).

7955 **palmueira 2** *s.f.* Ver PALMOEIRA 3 /7954. (Randu.).

7956 **panceira** *s.f.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Guil2).

7957 **parvoeira** *s.f.* Ver PALMOEIRA 3 /7954. (Ancares3).

---

[188] O cuco, *Cuculus canoris*, é ave migratoria que chega a Galicia coa primavera, entre marzo e abril, e marcha cara África en xullo ou, como moito, agosto.

[189] Localizado en Barcia (Luarca).

7958 **pasmoeira** *s.f.* Ver PALMOEIRA 3 /7954. (Cunt1).
7959 **pelmueira 2** *s.f.* Ver PALMOEIRA 3 /7954. (Cam4).
7960 **polmoeira** *s.f.* Ver PALMOEIRA 3 /7954. (Lendo, Parade.).
7961 **postura 1** *s.f.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Lagar.).
7962 **pulmoeira 2** *s.f.* Ver PALMOEIRA 3 /7954. (Baíñas, Baiona, Consta., CReis1, CTui, Dis., Laiosa, Macei., Peroxa, Piñe., Sete-L, Sou3, Veste).
7963 **pulmoira** *s.f.* Ver PALMOEIRA 3 /7954. (Samos3, Sarria1).
7964 **pulmueira** *s.f.* Ver PALMOEIRA 3 /7954. (Burgo, Laxosa).
7965 **raxo 6** *s.m.* Endurecemento do ubre da vaca. (Antas, Antas3, Cadrón, Mon).
7966 **sollo 3** *s.m.* Edema mamario. (TMon1).
7967 **famón de ubre** *s.comp.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. Esta voz ofrece dúbidas. Inicialmente preguntámonos se non sería, máis ben, *flamón* ou *flemón* por flegmón (lémbrese que en Piñor recollemos *inflemación*). Pero temos *infamarse* en Cere. Fre. Rábade e Mon. referido a "endurecerse o ubre da vaca", polo que decidimos recoller *famón* tal como nos chega do noso informante. (Meir.).
7968 **inchazón do ubre** *s.comp.m.* Edema mamario. O informante di que non é mamite porque neste caso, aínda que dá menos leite, este é bo. (Cam1).
7969 **mal da cipela** *s.comp.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Poulo, Vviño).
7970 **mal de ubre** *s.comp.m.* Endurecemento e inflamación do ubre. (Viso1, Viso2).
7971 **acucado** *adx.* [Ubre] enfermo por abundancia de leite. (Com1).
7972 **acucao 1** *adx.* Ver ACUCADO /7971. Oroso2 descríbeo así: "Ubre acucao o Lixo: ubre azul y dura que echa sangre mezclada con leche". (Oroso2).
7973 **arritado** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Pravio).
7974 **carnoso** *adx.* [Ubre] con edema mamario. (Vala1).
7975 **empadoado** *adx.* [Ubre da vaca] endurecido a causa dunha mamite ou edema mamario. (Com1, Oirós).
7976 **empedrenido** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Neda).
7977 **empedreñido** *adx.* Ver EMPEDRENIDO /7976. (Negra.).
7978 **enfermo 2** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Taboa.).
7979 **enlousado** *adx.* [Ubre] inchado e duro. (Lama, Mond2, Neves, PAre., Porr., Randu., Viso1, Viso2).
7980 **inflado** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Suevos).
7981 **inflamada** *adx.* Ver INFLADO /7980. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Damil).
7982 **malo 1** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Burgo, Suevos).
7983 **palmoeira 4** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. O noso informante en Oroso 2 defíneo así: "Ubre palmoeira: cuando se hincha y no da leche". (Oroso2).
7984 **pasmado** *adx.* [Ubre] inflamado e duro. (Gro5, Lama).
7985 **acucar** *v.* Ter [unha vaca] edema mamario, que os nosos informantes asocian á época do cuco e explican como causado pola abundancia de leite debida á riqueza dos pastos en primavera. (Piquín).
7986 **alixarse 2** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. A nosa fonte escribe *alisarxe*. (Boi.).
7987 **anabarrarse** *v.* Ver ANABARSE /7988. (Burón).
7988 **anabarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Baña2, Burón, Ced., Estr3, Frei., Ibias1, Mondo1, Suarna, Troán1, VFrore., Xudán1).
7989 **añabarse** *v.* Ver ANABARSE 2 /7988. (Vill-O).
7990 **apadiarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Lañas).
7991 **apadroar** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Laxe).
7992 **arretellarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Sende).
7993 **arretillarse** *v.* Ver ARRETELLARSE /7992. (Negral).
7994 **empalarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Valad1).
7995 **empalearse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Morga).
7996 **empedrarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Valen).
7997 **empedrenirse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Vmaior).
7998 **empeixar** *v. Ú. t. c. prnl.* Endurecerse [o ubre da vaca]. As nosas fontes en Anca, Caa., Cervá1, Laraxe e Vilar dano como pronominal. (Anca, Caa., Cab., Cervá1, Cervá2, Laraxe, Vilar).
7999 **encadrullar** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (TapiaC).
8000 **encadullarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Medín).
8001 **encalexarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Goián).
8002 **encozarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Vixoán).
8003 **encucarse** *v.* Ver ACUCAR /7985. (Cerd2).
8004 **endurarse** *v.* Ver ENDURECERSE /8005. (Bolo, Peno.).
8005 **endurecerse** *v.* Poñerse duro [o ubre da vaca]. (Alla2, Gud.).
8006 **enflemar** *v.* Inflamarse [o ubre da vaca]. (MCouso).
8007 **englousarse** *v.* Ver ENLOUSAR 1 /8008. (Mour1).
8008 **enlousar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Bar-Co., Gaxate, Verdu., Viso1, Viso2, Xeve).
8009 **enlousare** *v.* Ver ENLOUSAR 1 /8008. (Fol-C).
8010 **entalarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Oroso1).
8011 **entesar** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Carr-G).
8012 **flamarse** *v.* Ver INFLAMAR /8014. (Zamáns).
8013 **inchar 3** *v. Ú. t. c. prnl.* Endurecerse [o ubre da vaca]. A nosa fonte escribe *hinchar* ou *hincharse*. En Vrei. é pronominal. (Casal., Couce., Sabu2, Vrei.).

8014 **inflamar** *v. Ú. t. c. prnl.* Endurecerse [o ubre da vaca]. Guil2 e Lago: *inflamar*; CarbCo: *inflamarlle*; Sabu3: *inflamouselle o ubre*; Carño2: *inflamarse o ubre*. (Arroxo, Caban., Carbal., CarbCo., Carño2, Cervá2, Culle., Fara., Fre., Guil2, Lago, PSeca, Rábade, Rib-S, Ribe2, Sabu3, Valad2).
8015 **infleimarse** *v.* Ver INFLAMAR /8014. (Rama.).
8016 **inflemarse** *v.* Ver INFLAMAR /8014. (Lamas, Sabu3).
8017 **lixar** *v. Ú. t. c. prnl.* Endurecerse [o ubre da vaca]. En Santi. é pronominal. (Carde., Santi.).
8018 **lousarse** *v.* Ver ENLOUSAR 1 /8008. (Oliv).
8019 **padroar** *v.* Ver APADROAR /7991. (Razo).
8020 **palmoar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver PALMOEIRAR 2 /8021. Ribe1 escribe *palmoarse*. (Com1, Com4, Ribe1).
8021 **palmoeirar 2** *v. Ú. t. c. prnl.* Coller [a vaca] a palmoeira. Estr4 escribe *palmoeirarse*. (Alla2, Buga-A, Com1, Estr4, Lañas, Lous., Verdía, XER).
8022 **palmoer** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver PALMOEIRAR 2 /8021. (Arca, Vnova2).
8023 **palmueirarse 2** *v.* Ver PALMOEIRAR 2 /8021. (Lucí).
8024 **pulmoarse** *v.* Ver PALMOEIRAR 2 /8021. (Razo).
8025 **pulmoerarse** *v.* Ver PALMOEIRAR 2 /8021. (Vtose).
8026 **quiobrarse** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Porto).
8027 **raxar** *v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Antas3).
8028 **retellarse** *v.* Ver ARRETELLARSE /7992. (Camba).
8029 **sanguiñar** *v.* Padecer [unha vaca] edema mamario. A voz alude á presenza de sangue no leite, habitual nos edemas mamarios, maiormente post partum. (Melias).
8030 **arrochar o leite** *loc. v.* Manifestar [unha vaca] as disfuncións causadas pola mamite ou edema mamario. (Aranga).
8031 **coller o mor** *loc. v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. Véxase a mesma locución na epígrafe 8.3.7. (Crendes).
8032 **coller palmoeira 2** *loc. v.* Ver TER PALMOEIRA 2 /8059. (Conxo, Cruído).
8033 **criar fervón** *loc. v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. A nosa fonte escribe *ferbón*. (Mondo2).
8034 **criar muermo** *loc. v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Val-LE).
8035 **da-lo calbrazo** *loc. v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Car2).
8036 **encalla-la ubre** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Cang3).
8037 **facer palmoeira 2** *loc. v.* Ver TER PALMOEIRA 2 /8059. (Vcova).
8038 **poñerse de lixo** *loc. v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Corre).
8039 **poñerse duro** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. (Cer., Parga, Tabor).
8040 **poñerse naxo** *loc. v.* Endurecerse [o ubre da vaca]. (Chan).
8041 **pórse duro o cochorro** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. (PSil).
8042 **te-la úbere dura** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. Obsérvese o uso do xénero feminino. (VFrore.).
8043 **te-la ubre dura** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. Obsérvese o uso do xénero feminino. (Baltar).
8044 **te-lo lixo** *loc. v.* Endurecerse o ubre [da vaca]. (Agola., Com1, Cur., Gui., Sob).
8045 **te-lo raxo** *loc. v.* Padecer un edema mamario. (Antas, Cadrón).
8046 **te-lo ubre anabado** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. (Vi-Val).
8047 **te-lo ubre como unha pedra** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. (Arme.).
8048 **te-lo ubre duro** *loc. v.* Inflamarse e endurecerse [o ubre da vaca]. (Anseán, Bas., Burela1, Eixo, Rus).
8049 **te-lo ubre empastado** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. (Ctel1).
8050 **te-lo ubre endurecido** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. (Noal).
8051 **te-lo ubre enlousado** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. A nosa fonte en Randu. escribe *ter o ubre enlousada*. (Lama, Mond2, Neves, PAre., Porr., Randu.).
8052 **ter amoso** *loc. v.* Ter tensa a pel do ubre [unha vaca]. (LG).
8053 **ter flamón** *loc. v.* Te-lo ubre inflamado e tenso [unha vaca]. (Lagar.).
8054 **ter lixo** *loc. v.* Ver TE-LO LIXO /8044. (Codeso., Cur., Cur1, Pedro.).
8055 **ter madrío** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. (Oirán).
8056 **ter moito carnaso** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. (Vxoán).
8057 **ter more** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. Véxase a mesma locución na epígrafe 8.3.7. (Leir-A).
8058 **ter palmeira** *loc. v.* Ver TER PALMOEIRA 2 /8059. (Morai.).
8059 **ter palmoeira 2** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. (Agro., Buga-N, Covas, Cunt2, Figue2, Fuxás, Lagar., Lampón, Noal, Ortoño, Pal., Ribad., Santi., SComba, Teo).
8060 **ter pedia** *loc. v.* Ver TE-LO UBRE DURO /8048. (Cunt2).
8061 **ter pulmoeira 1** *loc. v.* Ver TER PALMOEIRA 2 /8059. (Abe., Carb3, Figue1, Lestón, Noice., Sofán).
8062 **ter pulmoira** *loc. v.* Ver TER PALMOEIRA 2 /8059. (Samos3).

8.5.4. Enfermidade do músculo branco

Consiste nunha distrofia muscular nutricional causada pola deficiencia de selenio e vitamina E na alimentación, que se presenta sobre todo en becerros dedicados á produción de carne e cando os alimentan nada máis a base de leite, especialmente entre as 4 e as 6 semanas de idade. A enfermidade provoca dificultade na marcha, debilidade muscular, dispnea e tremelique. O becerro érguese con moita dificultade, rematando

cun decúbito permanente ata que se produce a morte. A forma máis grave é a que afecta o músculo cardíaco (dexeneración do miocardio), que leva rapidamente á morte do animal. A denominación débese ás lesións musculares, consistentes nunha dexeneración e posterior calcificación das fibras do músculo cardíaco, con aparición de zonas brancas.

Trátase dunha enfermidade pouco común e que o gandeiro non identifica. De feito, o vocabulario recollido é ben reducido e se identificamos estas catro voces con esta enfermidade é porque o informante de tres delas é un veterinario que tamén deu o diagnóstico (Gond.). Se fose unha persoa sen coñecementos veterinarios a que recollese as voces e as súas definicións seríanos imposible face-lo diagnóstico.

8063 **músculo *blando** *loc. s.* Enfermidade do músculo branco. (Ctel1).
8064 **tumbado** *adx.* [Becerro] que padece a enfermidade do músculo branco. (Gond).
8065 **non ter forza para mamar** *loc. v.* Padecer [un becerro] a enfermidade do músculo branco. (Gond).
8066 **non terse de pé** *loc. v.* Padecer [un becerro] a enfermidade do músculo branco. (Gond).

8.5.5. Enfermidades nerviosas

Agrupamos baixo esta denominación colectiva un grupo de voces que designan diferentes procesos patolóxicos do gando que se manifestan cunha sintomatoloxía nerviosa. Ningunha das descricións que dan os nosos informantes, sen coñecementos veterinarios, permiten asegurar que se trate realmente dunha meninxite e non de calquera outro proceso con alteracións motoras ou de comportamento, polo que non podemos adscribilas a ningunha patoloxía concreta.

8067 **derrame á cabeza** *loc. s. Ú. m. en pl.* A nosa fonte defíneo como unha meninxite. Tamén se usa falando da xente. (Anca).
8068 **mininghitis** *s.f.* Meninxite. (Noalla).
8069 **nervios** *s.m.pl.* A nosa fonte inclúe esta voz, sen máis explicacións, nunha epígrafe xenérica titulada *outras enfermidades do vacún*. (Gui.).

8.5.6. Epilepsia

É unha neurose caracterizada pola presenza de contraccións tónicas e clónicas [190] en tódolos músculos do organismo ou en parte deles, con perda do sentido. Débese fundamentalmente a causas herdadas aínda que tamén as hai debidas a encefalite, intoxicacións ou situacións de intensa excitación. Polo que vemos nalgunha das voces achegadas polos nosos informantes, o gandeiro atribúe a enfermidade a algunha posesión máxica, probablemente por similitude coa mesma enfermidade humana. Ctel1 supón que a epilepsia se orixina nas pariduras, o que reflicte unha confusión entre a epilepsia e a febre vitularia (outra enfermidade das vacas que se manifesta con incoordinación de movementos).

A enfermidade non ten remedio e os gandeiros desfanse da vaca en canto poden, se ben estamos ante unha das enfermidades ou vicios redhibitorios que dan dereito a rompe-lo trato se o comprador non foi advertido, baixo a fórmula xurídica admitida no trato do gando como *tose, gota e escornar* (ver no capítulo 10. *Trato* a epígrafe 10.5.1. *Accións do tratante*). Cando lle dá o ataque, tápanlle os ollos e mailas ventas e suxéitana, e así non se vai para atrás (disque *pra que non se maree*), co que evitan que caia (Arc1). Para previr un novo ataque nos animais que xa tiveron outro antes, colócanlle no corno esquerdo unha gorra ou un zoco (Arc1).

En Folgoso (Fol-C) diferencian entre a *ghota serena*, que consiste nun ataque epiléptico de pouca intensidade no que a vaca non cae, e a *ghota total*, que é un ataque de gran intensidade.

8070 **esprito** *s.m.* Epilepsia do gando vacún. (Cer., Lañas, Lendo, Oza, Razo, Rus, Sofán, Suevos).
8071 **espritu** *s.m.* Ver ESPRITO /8070. (Carb3, Lestón, Noice).
8072 **ghota** *s.f.* Ver GOTA /8074. A nosa fonte escribe *jota*. Dos 34 informantes de Pontevedra, en Somo1 e Rama. escriben *jota* indicando que é con o pechado. (ILG: 87 (C:50, LU:1, OU:2, PO:34)).
8073 **gola 2** *s.f.* Epilepsia do vacún. Sospeitamos que é erro por *gota*. (Mra.).
8074 **gota** *s.f.* Epilepsia do gando vacún. O *Glosario de*

[190] Espasmos *tónicos*, ou contracturas, son aqueles que duran longos períodos de tempo cos músculos en contracción permanente. Espasmos *clónicos*, aqueles que presentan contraccións musculares anormais e breves, alternando con curtas pausas de relaxación.

voces galegas de hoxe, que dá *gota* como común, non especifica que se aplique ó gando. Tódalas outras fontes están quitadas do cuestionario do ILG sobre o gando vacún ou de recollida propia na que consta que se refiren a este. (Común. ILG: 104 (C:32, LU:34, OU:21, PO:14, GExt.:3)).

8075 **miningites** *s.f.* A nosa fonte defíneo como "epilepsia do gando vacún". É un exemplo de denominación por similitude. (Lampón).

8076 **pasmo 1** *s.m.* Epilepsia do gando vacún. (Valad2).

8077 **perlesía** *s.f.* Epilepsia do gando vacún. (VFrore.).

8078 **tremesía** *s.f.* Epilepsia do gando vacún. (Vixoán).

8079 **mal da ghota** *s.comp.m.* Ver MAL DA GOTA /8080. A nosa fonte escribe *mal da jota*. (SComba).

8080 **mal da gota** *s.comp.m.* Epilepsia do gando vacún. (Burela1).

8081 **ataque celebral** *loc. s. Ú. m. en pl.* Epilepsia do gando vacún. (Lampón).

8083 **ghota serena** *loc. s.* Ver GOTA SERENA /8085. A nosa fonte escribe *jota serena*. (Fol-C, Lagar.).

8084 **ghota total** *loc. s.* A nosa fonte escribe *jota total*. O noso informante describe así as dúas formas da epilepsia: "A *serena* que consiste en un ataque epileptico, pero con poca intensidad, ya que la vaca no se cae, para que no se maree le tapan los ojos. A *total* consiste en que los ataques epilepticos son de gran intensidad. Es incurable, con el consiguiente descenso del precio de la res". (Fol-C).

8085 **gota serena** *loc. s.* Ataque epiléptico de baixa intensidade. Compárese con GHOTA TOTAL /8084. (Carr-C, Cato).

8086 **gota *fuerte** *loc. s.* Ataque epiléptico de gran intensidade. A definición está tomada da voz *jota total*, de Fol-C, por similitude con esta, *gota fuerte*. Alí tamén a diferencian da *gota serena* (*jota serena*). (Carr-C).

8087 **epiléptica** *adx.* [Vaca] que padece de ataques de epilepsia. (Lagar.).

8088 **torera** *adx.* A nosa fonte defíneo como "epilepsia do gando vacún". Ve-lo comentario a *SALIDA 2 /8089. (Ben.).

8089 ***salida 2** *adx.* A nosa fonte defíneo como "epilepsia do gando vacún". Se non é erro da colectora da información (xa que en boa lóxica esta voz e mais *torera* parecen corresponder a unha vaca en celo), será unha denominación metafórica, cando non humorística con certo valor eufemístico. (Ben.).

8090 **da-la gota** *loc. v.* Sufrir [unha vaca] un ataque de epilepsia, denominada comunmente *gota*. *-¿E non sabe? Á vaca dalle a gota. -Pois estamos amolados. ¿Cándo lle deu? -Onte pola tarde*. (GB2:107).

8091 **te-la gota** *loc. v.* Padecer epilepsia [unha vaca]. (Lama, Pont., Sou3, Vboa).

8092 **te-la gota serena** *loc. v.* Ser [unha vaca] epiléptica e, así e todo, non caer. (Cato.).

Alberte Quiñoi [191]

Breixo de Xardán contou [192] o que a il lle pasara.

-O meu caso- dixo- non deixa de ter o seu chiste. Foi na feira do nove. Vin unha vaca do meu gosto; chegueime a ela e compreina. Collina e deilla a unha parceira que tiña eu no lugar veciño. Pasados uns días chegoume de mañán a fulana toda preocupada.

-¿E non sabe? Á vaca dalle a gota.

-Pois estamos amolados. ¿Cándo lle deu?

-Onte pola tarde.

Pensei no caso e botei as contas. Desde logo, estivera seis días sen lle dar; pro non se sabía cantos máis.

-Boeno, pois mira, coida ben a vaca. Se non tes dabondo vén [193] *xunta de min, e cando lle volva a dar, avísasme.*

Pasaron nove días e veu avisarme. Ben: xa sabía algo. Tardáballe nove días. Pró vintanove faltaban cinco; había tempo.

-Mira –díxenlle-; *sigue coidando ben a vaca e lévasma ó vintanove.*

Levouna. A vaca, ben mantida, cambeara de aspeuto. Andiven por alí vagueando. Estaba falando cuns conocidos cando chegou a parceira, chamándome a unha banda.

-¿E non sabe? –díxome-. *Véulleme a vaca o mesmo que nola vendeu*.

-¿Ai si? [194] *Pois vailla poñendo, e se cha compra, dis que tes que buscar quen che mire*

---

[191] GB2:106-107. Recolle un sucedido que escoitara o Alberte.

[192] No texto: *contóu*. Tamén noutros casos: *cheguéime, compréina, collína, penséi, botéi, levóuna, chegóu, vendéu, vendéulla, miréi, entregóulle, colléuna, cheguéime, miróu, caéu, quedóuse, tiróu*

[193] No texto: *ven*.

[194] No texto: *sí*.

os cartos e vés [195] *a buscarme.*

-¿E en cánto lla poño?

-Hai que armarlle a des pesos.

Vendeulla. Cando foi pra cobrar foi a buscarme. Mirei os cartos e ila entregoulle a vaca. Il colleuna moi compracido.

-Agora a feira témola feita –dixo o home-. *Os cartos son vosos i a vaca é miña. Polo mesmo, heivos de estimar que se ten algún defeuto mo digades.*

Eu chegueime á beira, e mirándoo así de certa maneira, díxenlle:

-¿E qué che habemos de decir, ho? Os defeutos que ten xa ti os sabes.

-¿Qué os sei eu? ¿Qué vou saber eu?

-Sí, home. Non hai nada que decirche que ti non seipas. Mira ben pra ela.

O bo do home mirou prá vaca; caeu na conta e quedouse sen dar fala. Tirou por ela e foise. Soupen que saíra da feira coa vaca anteposta e rezando a púbrico. Pro non eran Padrenuestros nin Avemarías.

8.5.7. Estomatite

Chamamos así a inflamación da mucosa e das papilas da lingua e da boca provocada por diferentes causas traumáticas, químicas ou alimenticias (ó consumir determinadas herbas, como as estrugas, ou que vehiculen insectos portadores de principios irritantes, como a procesionaria, a *Timarcha* e outros). Tamén poden aparecer vesículas na boca e lingua no curso de diferentes enfermidades infecciosas.

Pode adoptar distintas formas clínicas de diferente gravidade, sendo a máis frecuente a estomatite catarral, caracterizada pola aparición de vesículas ou aftas na mucosa lingual, típicas da glosopeda, por outro nome chamada, precisamente, *febre aftosa*.

Unha das consecuencias das estomatites, así como das glosites, é o meteorismo, provocado pola disfunción conseguinte no mecanismo do arroto e da remoeira. De feito, nas descricións que recollemos nas distintas fontes non estamos sempre moi seguros de que o informante nos fale dunha ou doutra patoloxía e inclinámonos a crer que moitas veces esteamos ante unha confusión de causa e efecto. Remitímo-lo lector á epígrafe correspondente (8.5.11. *Meteorismo*), así como ó que describe o carbuncho (8.3.2) para comproba-las nosas dúbidas.

A etioloxía popular destas lesións na boca -e mais da glosite, que veremos a continuación- baséase na intervención de distintos insectos (*cascudas*, *argán*, *sanguiña* etc.), ras (*ra albariña*) ou na picadura dunha salamántiga.

En resume, dos datos que recollimos, dedúcense os seguintes posibles responsables:

Insectos	*agano, argán*
	sanguiña, sangüeira, sangumeira
	ranilla, raniella, ghanilla
	albariña
	cascuda
	nacida
	relas
Sambesugas	
Ras	*ra albariña, ran da uva*
Salamántigas	

Convén sinalar que non a tódalas cascudas (denominación común a calquera escaravello mouro) se lles atribúe esta enfermidade, senón que a única responsable sería a *nacida*. Para recoñecer se un escaravello é *nacida* ou non, o campesiño cuspe nel e, se é a *nacida*, bota un líquido sanguinolento (Tabor). Polo mesmo feito noutros sitios recibe o nome de *sanguiña* (ERG), *sangüeira* ou *sangumeira* (Burón) [196].

[195] No texto: *ves*.

[196] Deducimos por esta descrición que se trata dun insecto coleóptero chamado *Timarcha tenebricosa*, de cor negra por riba e vermella por baixo, que se defende dos depredadores expulsando un líquido fortemente irritante de cor vermella ou laranxa, que lle dá o nome; tamén o nome común castelán se debe a este carácter: *escarabajo de la nariz sangrante*. Tal mecanismo de defensa, probablemente, podería chegar a provocar unha estomatite no gando que o coma.



Timarca tenebricosa.

Nun dos artigos de Constantino García [197] recóllese a intervención da vacaloura nesta patoloxía: *Sen embargo, no diccionario portugués de Figueiredo témo-la noticia de que para matar este insecto basta con cuspirlle e de que un boi rebenta se o come*. Non hai tal cousa, como explica detalladamente Fuentes Alende en resposta a aquel artigo, senón que estamos ante un caso de falso amigo galego-portugués: a *vacaloura* galega nada tería que ver coa *vaca-loira* portuguesa [198].

No Grove, e mais noutros puntos, son certas ras [199] as responsables dese confuso cadro clínico das estomatites, glosites e meteorismos, e dentro do mesmo concello chegamos a escoitar dúas patoxenias diferentes: para uns, o mal prodúcese cando a vaca *come a ran albariña* entre a herba (Gro4) e para outros *cando come a herba na que previamente mexou a ra* (Gro2). Seguramente relacionada con esta, xa no 1750, F. Martín Sarmiento falaba dunha *ranilla* ou *raniella* que provocaba que inchasen os bois que a comesen coa herba [200]. E Lis Quibén recolle, no seu capítulo dedicado á *Veterinaria popular*, que hai unha *ranilla*

[197] CGG2: "Vacalouras ou escornabois", 490. Este artigo fora publicado en *La Voz de Galicia* o 2.04.1990, e puntualizado por Fuentes Alende no mesmo medio o día 11 (XFA).

[198] Figueiredo defínea así: *Vaca-loira: 1. Género de insectos coleópteros, a que pertence a cantárida. 2. Insecto escuro, listrado de vermelho, do qual se diz que, para o matarem, basta cuspir-lhe, e que faz arrebentar o boi que o come* (CdF). Coidamos que este é o *Berberomeloe majalis* (http://www.flickr.com/photos/30355192@N05/3627020790) [28/12/2009], que algúns portugueses denominan *vaca-loira,* en oposición á vacaloura (*Lucanus cervus*).

[199] Os nosos informantes describen inequivocamente a ra en cuestión, o que permite identificala como a estroza ou ra de san Antón (*Hyla arborea*). Trátase dunha pequena ra de cor verde brillante polo dorso e branca no ventre, con dúas liñas negras laterais que percorren todo o corpo. Presente en case toda Galicia, sobre todo na metade occidental, depende da presenza constante de auga.

[200] O Padre Sarmiento escribe: *Es una ranita pequeña, negra y con parte de las patas coloradas, venenosa, y que suelen los bueyes comer con la hierba, y si no se les acude se hinchan y mueren. Es el 'buprestis'. Averigüese*. Coidamos que se refire á ra de san Antón pero, sen dubidarmos da exactitude da súa descrición (por ser tan amigo de falar das cousas polos cinco sentidos), pode haber un problema, entre el e nós, de taxonomía: a que hoxe se identifica coa ra de san Antón non é negra senón de cor verde viva uniforme (ve-la descrición na voz *ran de san Antón* en 8.5.11 / 8220); por outra banda, o das patas coloradas habería que entendelo na gama galega de cores, tan distinta da castelá, porque tamén o paporroibo se chama *papín colorado* en Taramundi. O mesmo problema presenta esa alusión ó *Buprestis,* que hoxe só coñecemos como nome dun xénero de insectos coleópteros, ademais de distribución americana. Sarmiento é contemporáneo de Linneo e na taxonomía hoxe existen normas inquebrantables que el non coñeceu pero que en parte propiciou: un mesmo nome xenérico nunca pode aplicarse a dous seres dun mesmo reino, é dicir, a dúas plantas distintas ou a dous animais distintos; si que se admite asignar un mesmo nome de xénero a unha planta (como tal, a *Ammophila arenaria* ou feo de praia, unha gramínea de duna) e a un animal (*Ammophila sabulosa*, nome dunha nespra).

que *muerde a las vacas debajo de la lengua y esta hincha y ocupa toda la boca hasta quitarle la respiración* (VLQ:315). A mesma crenza localízase tamén fóra de Galicia: Aníbal Otero recolle o nome de *margarita* para designar unha "rana minúscula, venenosa para el ganado que la come" (DdD, información localizada en Navafría, Salamanca).

Incluso entre a patoloxía non identificada podemos atopar algúns casos nos que o nome nos fai pensar inmediatamente nos xa citados: *Arau, Arrán, Arrau*.

Máis aínda. Eladio Rodríguez dá o nome de *albariña* a un insecto velenoso para o gando e á propia enfermidade (ERG:albariña); noutro momento di que a *ran albar* ou *ran albariña* é a cigarra, sen mencionar perigo ningún para o gando (ERG:albariño); e nun terceiro lugar que o *agano* é unha ra que logo describe como a que aquí identificamos como *Hyla arborea* (ERG:agano).

> ALBARIÑA. *s. f. Insecto venenoso, de color rojo y de la forma de una cucaracha, que nuestros labradores llaman también* CASCUDA. *Enfermedad que ataca al ganado vacuno cuando come la* ALBARIÑA, *y que consiste en un hinchazón, según los campesinos.*
>
> ALBARIÑO, A. *adx. La cigarra o chicharra, que también se llama ran albar o ran albariña.*
>
> AGANO. *s. m. Rana verde de los prados y de los árboles en que* CARRANQUEA, *y cuyos trozos, según el P. Sobreira, curan los lamparones de los solípedos.*

Na entrada *ran* identifica a *ran albar* e a *ran albariña* coa *cigarra, chicharra*.



Ra de San Antón.

En Noia chaman *sanguiña* a unha enfermidade que se produce *cando as vacas comen as sarabanduxas, e estas clávanse na jorxa, podese ver que dispois comen pouco e perden peso* [201].

[201] A *sarabanduxa*, pola descrición que dan, debe se-la *samesuga*, *sambesuga, zumezuga* etc. Non nos parece improbable que unha vaca poida enviar este parasito ó beber nun río, charca etc. e que se lle fixe na boca. Claro que o nome tamén se parece a *sabanduxa*, que no *Glosario de Voces Galegas de Hoxe* é calquera bicho pequeno, prexudicial e molesto, non necesariamente a samesuga.

E, para rematar, temos tamén as seguintes denominacións das enfermidades citadas: *piollos/pollos na boca, sapos/sapas, ranilla* (esta última coincidente coa denominación que recibe en castelán certa forma de glosite: a *solengua* ou *ranilla*; outra forma de estomatite catarral recibe en castelán o nome de *ránula*).

Fóra de Galicia atopamos tamén denominacións semellantes: *ranar*, *arranar* e *mal de la rana* [202], pero mentres que en Sisterna (Ibias) a vaca enferma por comer unha *rana*, aínda que logo a describen como *cierto escarabajo negro*, en Xixón chaman *mal de la rana* a unha urticaria producida por ter comido unha ra, e en Lena chaman *arranar* a enferma-la vaca *si ve alguna cosa apetecible que ella no puede alcanzar... por ejemplo, si presencia como a otra le dan una 'panoya' -mazorca- y a ella se la niegan*. Noutros lugares describen baixo estes nomes algo máis parecido a un carbuncho, ó que intentan remediar facéndolle unha sangradura [203].

¿Quen podería pedir máis nomes, e máis semellantes, para falar das enfermidades que nos ocupan? Non podemos esquecer que tanto as ras coma as cascudas (sexan a *Timarcha* ou non) abondan nos prados húmidos das nosas veigas onde é posible que a herba, sempre verde e fresca, sexa moi fermentable e potencialmente produtora de meteorismos espumosos (ve-lo apartado 8.5.11. *Meteorismo*), polo que sería fácil explica-la confusión entre a relación causa-efecto: a vaca incha ó comer nun determinado sitio no que hai cascudas ou ras, logo os responsables son estes animais.

Segundo os nosos coñecementos actuais non hai ningún insecto deste tipo nin tampouco ra ningunha capaz de provocar nin glosites nin meteorismos. É certo que as picadas das nespras enviadas pola vaca coa herba poden producir un edema da glote, non moi diferente dunha glosite e potencialmente responsable dun meteorismo ulterior. Tamén falamos antes de que certos insectos (a procesionaria do piñeiro, a *Timarcha*) teñen substancias irritantes que, liberadas na boca das vacas, poderían provocarlles unha inflamación das mucosas. E cómpre ter presente que a cantaridina, contida na hemolinfa de certos coleópteros [204], ten unha poderosa acción vesicatoria. Pero en ningún caso coñecémo-la perigosidade destes animais tal e como os describen os gandeiros, que insisten en que as vacas morren se os comen. Podería ser este un bo campo de investigación para a profesión veterinaria xa que non podemos ignorar que afirmacións aparentemente paradoxais da cultura popular acabaron sendo fonte de numerosos coñecementos científicos posteriormente demostrados. Poderiamos tamén, polo contrario, estar fronte a un grave erro diagnóstico no que se confunde algunha outra enfermidade aguda (como tal, un carbuncho, que, como xa vimos antes, non podemos excluír diante dalgunhas descricións) cun meteorismo, ben primario –por comer herbas que facilmente fermentan - ou ben secundario -debido a unha glosite.

Para rematar, e ante a posible relación que poida ter co que falamos, citaremos un tratamento que nos proporciona Mariño Ferro [205]: *Una cura para el sanguiñuelo, enfermedad de las vacas, era introducir una rana viva en la garganta del animal; cuanto mayor es la rana más rápida es la curación*. Lástima que non proporcione máis datos da enfermidade en cuestión, pero lembremos que *sanguiñuelo* é un dos nomes populares casteláns do carbuncho sintomático [206], contra o que non cremos posible que se obtivese ningún efecto terapéutico con este tratamento.

Regresando ó que nós entendemos por estomatite (a inflamación da mucosa lingual e bucal), cómpre lembrar que esas papilas que os nosos gandeiros chaman *barbos* ou *sapos* [207] son unhas formacións cutáneas sempre presentes en tódalas vacas, en condicións normais, e que, só cando se inflaman, provocan problemas dixestivos, ou levan a sona de facelo.

---

[202] LC:299.

[203] *En Ponga llaman 'ranar' a padecer este mal, característico porque se les inflaman los ojos a las vacas, a la vez que se les ponen llorosos; las orejas caen flácidas -en lugar de conservarse enhiestas-, la vulva se inflama y crea ampollas, y el estado general de la vaca es de suma tristeza, hasta tal punto que los pastores, al primer golpe de vista, ya saben cuando una vaca está 'ranada'. El remedio que utilizan es simple: consiste en sacarles sangre perforándoles las orejas o la nariz, sanando la vaca casi como por encanto* (LC:299). A descrición pode corresponderse cun carbuncho, pero o remedio que o informante dá por tan espectacularmente eficaz, sería nese caso inútil.

[204] Hai unha familia de coleópteros, *Meloidae*, representada por unhas 2.500 especies en todo o mundo. Caracterízase por producir cantaridina, que dá nome ó escaravello do que se obtén, tras desecación (*Cantharis vesicatoria*). A cantaridina causa erupcións na pel e exudación na zona afectada; por vía oral é unha das substancias tóxicas máis poderosas. Utilizouse desde a antigüidade como vesicatorio tanto en medicina humana como en veterinaria. Medicamentos *vesicantes* son aqueles que producen a formación de ampolas e flictenas na pel, e utilízanse co obxectivo de provocar unha reacción local e aumenta-la circulación sanguínea.

[205] XRMF3: 38.

[206] FH:1.

[207] Normalmente, as nosas fontes non achegan diferenzas que nos permitan deducir se falan ou non dunha mesma cousa, polo que nos queda unha dúbida que só despexan na zona do Salnés e en Caritel (Pontevedra): *barbos* son as papilas da cara interna da boca, en forma de pequenos conos ás veces rematados en dúas gallas, que disque son *as malas*, mentres que os *sapos* son as que nacen ós lados da lingua, máis pequenas e filiformes (Gro5,Simes).

En certas partes de Asturias cren que se a vaca *barbia* é bo sinal: o *barbio* rompe e entón sae por si só un *verme* [208]; se non *barbia* entón cría *bregona* -sangue malo- e a vaca incha. A vaca adoita *barbiar* se estivo mal alimentada no inverno e, de socato, dispón dun pasto moi abondoso [209].

O tratamento das estomatites parece ser similar en toda Galicia: os gandeiros tiran con forza da lingua para sacala da boca (o que nos bóvidos resulta particularmente doado) e sopran, e, en levantándose as papilas linguais, recórtanas cunha tesoira. Despois lavan e refregan a lingua, a todo o longo, con algún dos seguintes produtos:

- Sal moído (VLQ:315).
- Sal e vinagre (Sabu2, Ribó), mestura á que lle engaden limón (Gro5), cebola (Cerd2), estrugas (Pcal2), Lucí, Figue1), fermento de fariña milla (Ctel1). Tamén sal, vinagre, allo e fermento que, despois de lle lava-la lingua, bótano todo pola gorxa abaixo (Cam1, Callo.).
- Sal e cebola (Lim6:704), disoltos en auga, diariamente e durante 3-4 días (Arc1).
- Córtanlle unha vea da base da lingua, para que sangre e desconxestione (Cam1, Callo.), o mesmo que en Caritel describen como *darlle unha picada na lingua* (Ctel1).

En Novefontes (Nove.) lavan primeiro a lingua con xabón para que os *piollos* inchen e se poidan cortar mellor.

En Noalla recomendan ter paciencia pois unha vez que cortaban os *sapos* a recuperación era lenta: *a vaca non comía de rápido senón que ía curando pouco a pouco* (Noalla3).

Todos estes remedios baséanse na acción astrinxente do vinagre, do sal ou do limón así como na acción antiinflamatoria do sal que ten efecto osmótico. O corte das papilas ou desa vea sublingual parece estar dirixido, máis que a provocar unha sangradura (que aínda que exista en certo grao, non parece ser suficiente a efectos terapéuticos) a estimula-lo arroto e, como consecuencia, a eliminación de gases da panza e a redución do meteorismo. A propia *masaxe* da lingua que fan xa provoca este mesmo efecto.

8093 **barbio** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver BARBO 3 /8094. (Fol-LE).

8094 **barbo 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Estomatite que se manifesta coa inflamación das papilas da lingua e que causa dor ó comer. En Sofán explican que os barbos son "verrugas que le salen en las paredes de la boca". En Xun2, que son "papilas de la lengua con hipertrofia temporal debida a irritación o inflamación. Dificulta a los animales, especialmente al ganado vacuno, el comer". Cur1 explica que "consiste en que las primeras muelas se le recubren con una telilla", ó que non lle atopamos sentido; Guil2 dinos que "se inflaman los barbos (los labios) y hay que cortarlos"; e Parga que "les nacen dentro de la boca. Es necesario cortárselos". Ribe2 di *PIOLLOS BARBOS*. Coidamos que se trata de dúas denominacións sinónimas. (Caa., Cab., Cervá1, Cervá2, Com1, Covas, Crendes, Cur1, Enxames, Figue1, Guil2, Lava., Leir-A, Lous., Macei., Mel1, Mez., Nove2, Parga, Ribe2, San., Sende., Sob., Sofán, Somo2, Suevos, Vil., Xun2).

8095 **bocha** *s.f.* Estomatite vesicular na mucosa da lingua ou da boca. (CarbCo., Grixó).

8096 **carracho 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Papila inflamada na mucosa da lingua da vaca. Quizá esta sorprendente denominación se xustifique se pensamos que, como no caso dos *piollos*, estas papilas inflamadas teñen o mesmo contido sanguinolento que teñen os carrachos. (SComba).

8097 **cepos** *s.m.pl.* Estomatite, bochas na lingua. (Cere., Gud., Mez., Ped1, Samos3).

8098 **coca 2** *s.f.* Bochas na lingua das vacas. (Porto).

8099 **espulla 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Papila inflamada na mucosa da lingua da vaca. (Alla2, Lampón, Meir.).

8100 **espunlla 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 4 /8099. (TapiaC).

8101 **faba** *s.f.* A nosa fonte descríbeo como unha inflamación das enxivas. Quizais esteamos ante unha tradución ó galego dunha vella denominación castelá para unha enfermidade propia das bestas, *haba*, que consiste no inchazo da mucosa palatina inmediatamente detrás dos incisivos. Claro que tamén existen os nomes casteláns de *barbos*, *barbillos* e *sapillos* para denomina-los pregos da mucosa sublingual no cabalo ou os cistes que ás veces aparecen na devandita mucosa; *sapillos* son uns pequenos nódulos na mucosa interna do labio superior, tamén do cabalo, producidos polas arestas do gran da cebada. (Noalla).

8102 **garfelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Tumor na cara interna do beizo superior do gando. *Os 'garfelos' son medranzas de carne que lles saen ao gado vacun debaixo dos beizos de riba, que tamén*

[208] É de supoñer que o que chama *verme* este informante sexa en realidade un coágulo de sangue.
[209] LC:301.

se lle rabenan un pouco coas tixeiras, pois se son moi longos non poden comer e si se lle rabenan demais [sic] *tampouco, conforme a unha versión*. (Parade.:279).

8103 **lagharto 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Papila inflamada na mucosa da lingua da vaca. A nosa fonte escribe *lajartos*. (Estr4).

8104 **leitugas 2** *s.f.pl.* Papilas inflamadas na mucosa da lingua da vaca. (Laiosa).

8105 **lixo 3** *s.m.* Inflamación das papilas que teñen as vacas na parte superior da lingua e que lles dificulta a comida. (Cam1, Fra.).

8106 **pacedores** *s.m.pl.* Protuberancias que teñen as vacas na boca. É posible que esta voz obedeza a un erro de designación por contigüidade. Co nome de *pacedeiras* e *pacedeiros* desígnanse os beizos do gando en numeroso puntos de Galicia, e co de *pacedoiros* os dentes mamotes e a pel frouxa ó redor da boca. (Ribó).

8107 **pioghillo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PIOLLO 1 /8109. A nosa fonte escribe *piojillos*. (Vmaior).

8108 **piolla 1** *s.f.* Especie de granciños afiados que lles saen ás vacas por inflamación das papilas da cara superior da lingua. (Fra., Oza).

8109 **piollo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Papila inflamada na mucosa da lingua da vaca, que se ten erroneamente por piollos ou verrugas. *Unha das xovencas ten os piollos* (DRAG2). O informante en Paradela parece confundi-lo nome da enfermidade co máis común que designa os coñecidos piollos da pel, neste caso insectos que nada teñen que ver coa enfermidade que describe: *Os 'piollos' son uns parásitos que algunhas veces saen na lingua aos becerros e ás vacas en forma de graos, que se lles limpan cunhas tixeiras, fregando-lles despois a lingua con vinagre, sal, cebola e aceite, para que podan comer* (Parade.:281). Ribe2 incorpora esta denominación *PIOLLOS BARBOS*. Parécenos máis verosímil que sexan dúas denominacións sinónimas (*piollos* e *barbos*). (Antas3, Cadrón, Carr-C, Ced., Com1, Cubi2, Cur1, DRAG2, Fara., Goián, Lama, Laxe, Mour1, Negral, Nove., Parade., Penela, Peroxa, Piñor, Pont., Ribe2, Ribó, Somo2, Sou3, Taboa., Valad2, Vboa., Verdu., Veste., Vil., Xeve, Zamáns. ILG (C:29)).

8110 **pollo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PIOLLO 1 /8109. (Car2, Gui., Lago, Mira., Rábade).

8111 **salpullido** *s.m.* Inflamación das papilas da mucosa da lingua da vaca. (Ben.).

8112 **sapas** *s.f.pl.* Ver SAPOS /8113. O noso informante en Melias escribe: "*Sapas*: me indican también esta enfermedad, si bien no han podido concretar en que consiste". Por analoxía con outras fontes clasificámolo como estomatite. Ver MATA-LA SAPA /14225 na epígrafe 13.1.5 (Común).

8113 **sapos** *s.m.pl.* Papilas inflamadas na mucosa da lingua da vaca. Bidu., Calo, PCal2 e Ribó recólleno en sing. Interesa copia-la explicación de Ribó. Textualmente di: "cuando los *pacedores* protuberancias que tienen las vacas en la boca. A los que tienen tres gallos se los hay que cortar". (Común. ILG:45 (C:12, LU:1, OU:5, PO:27)).

8114 **solla** *s.f. Ú. m. en pl.* Papila inflamada na mucosa da lingua da vaca. (Noal).

8115 **tumor 4** *s.m. Ú. m. en pl.* Papila inflamada na mucosa da lingua da vaca. (Troán1).

8116 **xapos** *s.m.pl.* Ver SAPOS /8113. (Sabu3).

8117 **barbo da lenghua** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver BARBO 3 /8094. A nosa fonte escribe *barbos da lenjua*. (Figue2, Medín).

8118 **bocha da lingua** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Afta que se forman na lingua. (Dum.).

8119 **mal das bochas** *s.comp.m.* A nosa fonte descríbeo como "e cando teñen a lingua toda embochada, con bexijas, é o mal do caroso". (Noia).

8120 **mal de sapo** *s.comp.m.* Estomatite. (Ctel1).

8121 **mal do caroso** *s.comp.m.* Ver MAL DAS BOCHAS /8119. (Noia).

8122 **piollos da lencua** *s.comp.m.pl.* Ver PIOLLO 1 /8109. (Figue1).

8123 **piollos da lenghua** *s.comp.m. pl.* Ver PIOLLO 1 /8109. A nosa fonte escribe *piollos da lenjua*. (Conxo).

8124 **piollos da lengua** *s.comp.m.pl.* Ver PIOLLO 1 /8109. (Amandi, Anseán, Arroxo, Buga-A, Cang2, Chan., CReis2, Cur., Dis., Estr3, Lagar., Meira2, Mon., Mondo1, Neves2, Noalla, Parga, PCal2, Piñe., Saiar, Sende., Sisto, Vala1, Viso1, Viso2, Vixoán. ILG (C:17)).

8125 **piollos da linghua** *s.comp.m. pl.* Ver PIOLLO 1 /8109. A nosa fonte escribe *piollos da linjua*. (Lestón).

8126 **piollos da lingua** *s.comp.m.pl.* Ver PIOLLO 1 /8109. (Abe., Baltar, Bas., Bolo, Cabal., Couce., Melias, Peno., PSil, Razo, VFrore., Vrei.).

8127 **piollos na boca** *s.comp.m.pl.* Ver PIOLLO 1 /8109. (Ced., Com1, Goián, Lama, Laxe, Nove., Pont., Sou3, Vboa., Vil.).

8128 **piollos na lingua** *s.comp.m.pl.* Ver PIOLLO 1 /8109. (Rus, San.).

8129 **pollos da lenghua** *s.comp.m.pl.* Ver PIOLLO 1 /8109. A nosa fonte escribe *pollos da lenjua*. (Vi-Val).

8130 **pollos da lengua** *s.comp.m.pl.* Ver PIOLLO 1 /8109. (Abadín, Ben., Caa., Cab., Consta., Damil, Fre., Laxosa, Mondo2, Oirán, Vala).

8131 **verrughas da lenghua** *s.comp.f. pl.* Papilas inflamadas na mucosa da lingua da vaca. A nosa fonte escribe *verrujas da lenjua*. (Cerd2).

8132 **luxada** *adx.* [Vaca] cos barbos ou papilas da lingua inchados. (Cam1).

8133 **picada 3** *adx.* Ver LUXADA /8132. (Cam1).

8134 **estar lixada** *loc. v.* Ter [unha vaca] a lingua sucia. (Cam1).

8135 **te-las sapas** *loc. v.* Ter unha inflamación das papilas da lingua. A denominación procede da comparanza coa pel verrugosa dos sapos. (Común).

8136 **te-los sapos na boca** *loc. v.* Ver TE-LAS SAPAS /8135. (Común).

8137 **ter piollos na boca** *loc. v.* Ter estomatite. O estado das papilas da lingua fai que se teñan erroneamente por piollos ou verrugas. (Ced., Com1, Goián, Lama, Laxe, Nove., Pont., Sou3, Vboa., Vil.).

8.5.8. Glosite

Enténdese por glosite toda inflamación da lingua, calquera que sexa a estrutura ou o tecido afectado. Incluímos aquí tamén o *edema da glote*, aínda que é un proceso diferente: unha infiltración serosa do tecido conxuntivo da submucosa da larinxe. Provoca un cadro dispneico grave e ás veces a morte por asfixia. Pódese deber a picadas de nespras ou a procesos inflamatorios locais ou xerais pero moitas veces é imposible establecer unha etioloxía.

Lembramos ó lector que moito do dito no apartado anterior (*Estomatite*) pode corresponder coa glosite. As informacións recollidas non sempre nos permiten asegura-la diferenza.

Para cura-las vacas, os gandeiros rachan a lingua ou, máis exactamente, as ampolas e veas varicosas que nestes casos aparecen na cara inferior desta, para que sangre e se desconxestione (VLQ:315). O recurso á sangradura é considerado moi eficaz nestes casos, mesmo antes de instaurar calquera tratamento medicamentoso.

No apartado 8.3.2. *Carbuncho* (ou *nacidas*) pódese consultar un ensalmo para couta-la *nacida* e a *sulengua* utilizado en Paradela.

8138 **agana 2** *s.f.* Verme que cría a herba da agana ou do rodicio (*Galium* sp) e que disque mata o gando que a come. Ver tamén AGANA 1 /5737 na epígrafe 6.5.7. *A calleira*. (ERG).

8139 **agano 1** *s.m.* Insecto que supostamente produce a inflamación da lingua, capaz de produci-la morte da vaca que o come. Distintas fontes describen este insecto, ó que lle dan diferentes nomes pero sempre a mesma perigosidade para o gando, como de cor negra brillante, coriáceo, e que bota un líquido vermello, sanguinolento (ó que debe algunhas das súas denominacións) que resulta velenoso para o gando que o coma entre a herba. A descrición corresponde cun coleóptero chamado *Timarcha tenebricosa* e a outras especies dos chamados *coleópteros vesicantes*. Eladio Rodríguez dá o nome de *agano* a unha "rana verde de los prados y de los árboles en que *carranquea* y cuyos trozos, según el P. Sobreira, curan los lamparones de los solípedos", e dá como sinónimos *arrán das quenturas*, *agana* e *carranco*. Esta descrición parece corresponder coa ra de san Antón (*Hyla arborea*), da que falamos en 8.5.11. *Meteorismo*. (Feás-A, Gui., Mel1).

8140 **agano 2** *s.m.* Enfermidade da vaca supostamente producida polo insecto do mesmo nome. (Feás-A, Mel1).

8141 **aghano** *s.m.* Ver AGANO 2 /8140. A nosa fonte escribe *ajano*. Témo-las nosas dúbidas á hora de clasificar esta voz aquí ou cos meteorismos. O noso informante di que "O *ajano* consiste en una hinchazón debida quizas a un bicho comido paciendo". Se esta *hinchazón* se refire á lingua correspóndese cunha glosite; se se trata dunha *hinchazón* xeral da vaca, sería un meteorismo. (Cur1).

8142 **arghana** *s.f.* Ver AGANO 1 /8139. (Fra.).

8143 **barbelóns** *s.m.pl.* Vexigas que se lle forman debaixo da lingua ós bois e ós cabalos. (ERG).

8144 **coitas** *s.f.pl.* Vexigas baixo a lingua que producen dor e impiden comer. Máis común é o uso de *coitas* para designar unha enfermidade porcina ou, máis concretamente, unha inflamación das amígdalas, que pode ser consecuencia de diferentes procesos. Os gandeiros adoitan corta-las veas sublinguais como tratamento desta enfermidade. (Grixó, Peroxa).

8145 **goldra 2** *s.f.* Vesícula que se forma debaixo da lingua. En Ctel1 dise que, se non se pincha, en 24 horas está a vaca morta. Ctel1 dinos que ademais lle inchan os ollos, os barbos, a natura e o curso -descrición que cadra máis ben cunha reacción alérxica a algún insecto, herba etc.- e que o tratan dándolle unha picadela para que saia o sangue e puxando a lingua para baixo; e que tamén se lle pode facer algo de sangue na natura cun carabullo de figueira. Para este informante *argán* e *ampola* non teñen nada que ver co meteorismo. Engade que *co arghán inchan máis de présa e coa ampola vai inchando máis sencilla*. (Ctel1).

8146 **lixo 5** *s.m.* Ver AGANO 1 /8139. (Forc1).

8147 **nasida 2** *s.f.* Ver SULENGUA 1 /8155. O noso informante en Lucí di que é *una cousa como un bicho que ye pica da baixo da lengua e*

ya non ten cura. Cfr. NACIDA no apartado 8.3.2. *Carbuncho*. (Lucí).

8148 **órgano 2** *s.m.* Glosite: enfermidade da vaca caracterizada por inchazón da lingua. (Razo).

8149 **ránula** *s.f.* Vexiga baixo a lingua supostamente producida por un sapo pequeno, nuns sitios, ou unha cascuda, noutros. O noso informante considérao tumor carbuncoso. Pode ser unha orixe dun carbuncho, pero estas vexigas sublinguais teñen moitas outras causas. (XER).

8150 **sangüeira** *s.f.* Ver SANGUMEIRA /8152. (Piquín).

8151 **sanguiña** *s.f.* Ver SANGUMEIRA /8152. (ERG).

8152 **sangumeira** *s.f.* Ver AGANO 1 /8139. Dáselle este nome porque cuspindo nel ou dándolle cun pauciño bota un líquido sanguinolento. (Burón).

8153 **soléngoa** *s.f.* Ver SULENGUA 1 /8155. (Per).

8154 **solengua** *s.f.* Ver SULENGUA 1 /8155. Vala1 escribe a estraña palabra *sublenga*, que consideramos erro por ser estraña e por ter estoutra información do mesmo lugar. (Suarna, Vala).

8155 **sulengua 1** *s.f.* Insecto que supostamente produce nas vacas unha inflamación baixo a lingua. (Cab., Fri., Gui., Ped1).

8156 **sulengua 2** *s.f.* Inflamación que se forma por baixo da lingua, ata o punto de que esta enche a boca e chegan a afogar. *A 'sulengua' (do lat. 'sub lingua', debaixo da lingua) ven a ser a ranula ou tumor que se forma debaixo da lingua do gado vacun e que lle fai inchar e encher a boca deica non poder respirar e chegar a afogar, a consecuencia da picadela dun 'rau' (arrau) ou de inxeri-lo ao pascer, transmisibel ao home* (Parade.:280). Non nos consta que en Oroso sexa o suposto insecto que produce a inflamación e por iso o deixamos designando a inflamación mesma. (Oroso2, Parade., Vilaf).

8157 ***rainilla** *s.f.* Ver *RANILLA 1 /8158. (Piñei2).

8158 ***ranilla 1** *s.f.* Ver RÁNULA /8149. (Goián, Mra., Pont., Ver1).

8159 **te-la *ranilla** *loc. v.* Ter [unha vaca] unha doenza producida pola cascuda negra, que disque a morde baixo a lingua e, como consecuencia, esta incha e a vaca asfixia. Aníbal Otero ofrece o nome de *margarita* e defíneo como "Rana minúscula, venenosa para el ganado que la come" e afirma que recolleu esta voz en Navafría, Sal [amanca?] e engade a etimoloxía: DEL LAT. MARGARITES. (CLGA09) (Pont.).

8160 **te-las albariñas** *loc. v.* Ter [unha vaca] unha inflamación das veas que hai a ámbolos lados da lingua. (Vboa).

8.5.9. Hematuria

Aínda que distintas enfermidades infecciosas ou esporádicas poden provoca-la presenza de sangue nos ouriños, existe un proceso específico, relativamente frecuente, e coñecido tecnicamente como hematuria vesical crónica, ó que nos atrevemos a adxudica-la única voz que recollemos.

Consiste nunha cistite con formación de erosións na mucosa da vexiga responsables da presenza de sangue, sobre todo ó remata-la micción. Descoñécese exactamente a etioloxía desta enfermidade, que algúns autores atribúen ó consumo de frondes de fento macho, ás veces tamén chamado dentabrún (*Dryopteris filix-mas*), que non se debe confundir co fento común ou fento femia (*Pteridium aquilinum*).

8161 **mexar sangue** *loc. v.* Ter hematuria [unha vaca]. (Gond).

8.5.10. Indixestión

A palabra indixestión engloba toda situación anómala que interfire o proceso dixestivo normal a nivel dos preestómagos. A etioloxía, sintomatoloxía, prognóstico e tratamento son moi diversos, presentando como único síntoma común a diminución ou desaparición do apetito e o cese da remoeira: *a vaca está atacada á panza e non remoe; e tócaslle na vagha e está dura coma unha pedra* (Barro). Máis adiante, na epígrafe 8.8.7., achegaremos máis información sobre a *inapetencia*, entendida como unha síndrome illada.

Podemos resumi-los síntomas que nos dan os gandeiros desta enfermidade nestes dous: *Non come e non remoe, e tamén está pasmada* (Randu.), *Abre mucho la boca y no 'remoe'* (Conxo) [210].

Incluímos tamén neste punto as *vacas enlibradas* e conceptos semellantes que recollemos en diferentes fontes. Probablemente teña que ver co que tecnicamente chamamos *indixestión do libro* [211], producida por anomalías motoras deste órgano -paresia- por un exceso de alimentos, sobre todo se son fariñentos

[210] O orixinal está todo el en castelán, e tan só escribe en galego *remoe*, entre comiñas.

[211] Lémbrese que o *libro* é un dos preestómagos dos ruminantes. Ver no capítulo 5. *Anatomía* máis información sobre esta víscera no apartado 5.2.5.3.

(sobrecarga), ou por unha acumulación e compactación dos mesmos (obstrución). É certo que a descrición que fan os gandeiros deste tipo de indixestión lembra ás veces un meteorismo simple, pero tamén o é que a patoloxía dixestiva adopta frecuentemente cadros mixtos nos que non podemos esixir ó gandeiro maiores precisións, nas que mesmo o veterinario non sempre entra.

Caso semellante sería a denominación *nudo na tripa*, que probablemente designe un desprazamento do calleiro, transtorno que moitas veces concorre cunha torsión desta víscera.

Entre os remedios populares para as indixestións témo-los seguintes:

- Darlle a beber ruda fervida en auga ou en viño e cunha cullerada de graxa de porco (Barro).
- Darlle a beber té bravo con augardente do Ribeiro, metade por metade. Tamén se podería facer con macela, *pero non é tan boa coma o té* (Cam1).
- Té de loureiro, feito con loureiro, herba luísa e macela, todo mesturado con aceite (Arc1).
- Macela con outras herbas, como ruda, bieiteiro, choupo etc. (Fol-C) ou con fiúncho (Car2).
- Bicarbonato disolto en auga ou macela (Sabu2). En Caaveiro (Caa.) danlle primeiro auga fría con bicarbonato e despois macela en auga morna.
- Augardente (Arc1). En Callobre (Callo.) danlle medio litro de augardente e despois fréganlle cunha corda por debaixo da barriga.
- Unha mestura de viño, macela, unto rustrido e aceite (Nove.).
- Auga de arroz (Arc1).
- Caldo de galiña (Arc1).
- Auga morna, *pra que quente o corpo* (Gro2).
- Sal ou aceite, metidos á forza na boca (Vixoan.).
- Sal *de hijera* (Randu.) [212].
- Ou danlle de comer palla seca (Gro2).

De Antas de Ulla parece ser este remedio que se pode ler íntegro nun precioso relato do P. X. Bautista Costa (XBC) e que reproducimos íntegro no capítulo 16. *A vaca na literatura*.

> *Maquinou un brebaxe: mistura de ruda, allo mallado, aguardente da Ribeiriña e un ramalliño de marialuisa, todo morno. Verteuno nunha botella de plástico, fíxolla beber despaciño e cariñento. Deixouna un tempo. Namentras o Fidalgo atendera á Xata, o Garatuxas fora ó señor cura pra que pidise ó san Lucas io san Antonio pola súa vaquiña. Io señor cura, pra consolalo, viñera con el rezando cando o Fidalgo descansaba á Xata; encontráronse os tres. O señor cura preguntoulle:*
>
> *-¿Qué, temos vaca, Fidalgo?*
>
> *-Temos vaca, señor cura.*

Cuveiro recolle o uso da raíz do nabo de nouza [213] como purgante no gando vacún (JCP:217).

E, sen podermos asegurar que se trate dunha indixestión, salvo por similitude fonética, recollamos outros tratamentos para a *conxestión ou entambullo do gado*: auga de *manzanilla*; dous cuartillos de leite con sal; unha cebola a medio rustrir en aceite de *tricoco* -xirasol- (Lim6:704).

Tamén disque é eficaz facer que a vaca corra (Arc1, Abe.) e darlle purgas (TapiaC). En Conxo paséana moito e danlle macela e fregas con palla na barriga (Conxo). Na Ramallosa (Lucí) danlle fregas cunha corda, estíranlle a pel coas mans e danlle unha carreira forte ata que a vaca súa. En Ons *se azuzan en el campo para que corran y después se les friega la barriga con una ristra de ajos vacía, frotándola de un lado a otro* [214]. En Monterrei cren que os cólicos do gando se curan esfregando a parte dolorida cunha camisa usada dunha muller (XTC3:51). Nos Ancares fanno cunha póla de acivro (Ancares2:197). Estas fregas na parede abdominal fanas co puño, cunha corda, cunha restra ou cun pau; tamén poden forza-la vaca a que corra coa idea de que recuperen a contracción da túnica muscular sobre o rume. Todos estes remedios poden resultar eficaces se se aplican cando o proceso é aínda pouco intenso.

Como estimulante da remoeira, que falta sempre nestes casos, disque tamén é bo darlle apio cocido en auga (Sete-S) ou as barbas de millo ou o miolo de cana de millo (Ctel1). En Cariño (Car2) danlle macela e fiúncho.

---

[212] Realmente *sal de la Higuera*, sulfato magnésico natural, que fai amargas e purgantes as augas de Fuente la Higuera (Valencia) e outras.

[213] O nabo da nouza, nabo caíño ou, simplemente, nouza (*Bryonia cretica* subsp. *dioica*) é unha planta herbácea, trepadora, de talos e follas ásperos. A súa raíz, en forma de nabo groso e potente (chega ó tamaño da coxa humana), posúe propiedades purgantes mesmo a doses moi baixas, tanto é así que os actuais tratados de medicina natural desaconsellan o seu uso, en humana, porque pode provocar diarreas coleriformes e hemorraxias intestinais.

[214] Ons:629. Fagamos constar que este tratamento se aplica a *vacas enfermas* coa única explicación de que *se consideran enfermas cuando cuando no dan leche, etc*. Que nós saibamos, só se aplica en casos de indixestión.

Risco cita o uso dos rumeallos da barbantesa para que as vacas recuperen a remoeira (VR:171 [215]):

> *Aseguran que* [la mantis religiosa] *pone las patas delanteras aniveladas, en forma de mesa, y que por la boca suelta una especie de baba con la que forma unos capullos llamados rumeallos, que sirven para curar la tos y para darle a las vacas cuando no rumian* [216].

8162 **cólico** *s.m.* Indixestión. Gro2 utilízao en plural. As únicas explicacións que temos son as que nos dan os nosos informantes de Caaveiro (Caa.): "hinchazón de la barriga y retortijones", e da Gudiña (Gud.): *dolores que sufren as vacas a causa da auga e do frío*. (Anca, Baíñas, Caa., Callo., Cervá1, Cervá2, Gro2, Gud.).

8163 **embazo** *s.m.* Ver EMPACHO 1 /8166. (Incio).

8164 **empachamento** *s.m.* Ver EMPACHO 1 /8166. (ERG).

8165 **empache** *s.m.* Ver EMPACHO 1 /8166. (Mon., SComba, Sou3, Veste).

8166 **empacho 1** *s.m.* Indixestión. O informante de Negra. di que a vaca *non remoe mija nin come; daselle sal d'hijera e encóntrase coma pasmada*. En Randu. lemos practicamente o mesmo: *non come e non remoe e tamén está pasmada. Sal de hijera*. Finalmente, Baíñas só nos di: *Empacho: por comer mucho*. (Común).

8167 **empecho** *s.m.* Ver EMPACHO 1 /8166. (Cervá2).

8168 **empiladura** *s.f.* Inflamación do ventre con dor agudo, a modo de cólico, que adoitan padecelos bois. O *Glosario de voces galegas de hoxe* recolle en Pedrafita *empilar*, co significado de "atascarse las heces en el ano por haberse comido las cerezas con hueso". (Drago., VGR).

8169 **entambullo** *s.m.* Empacho, indixestión. O informante engade o tratamento que lle dan: auga de *manzanilla*, ou leite ou unha cebola. (Lim6:704).

8170 **entripada** *s.f.* Cólico producido por unha torsión intestinal. Non podemos asegurar que non se trate dun adxectivo. O noso informante defíneo como "enfermedad por la que las tripas se confunden o se envuelven unas con las otras, causandole la muerte". (Carño2).

8171 **indixestión** *s.f.* Trastorno dixestivo que acelera ou retarda o movemento intestinal e produce intensa dolor. (Com1).

8172 **limaxe** *s.f.* Secreción limosa que expulsan as vacas polo curso como consecuencia de problemas dixestivos. (Ctel1).

8173 **panzugada** *s.f.* Indixestión gasosa. (Xudán1).

8174 **torsón** *s.m.* Ver TORZÓN /8175. (Teo).

8175 **torzón** *s.m.* Cólico, dor aguda por causa dunha indixestión. (Ancares2, Noalla).

8176 **tronzón** *s.m.* Ver TORZÓN /8175. (Noia).

8177 **trosón** *s.m.* Ver TORZÓN /8175. (Abe.).

8178 ***indigestión** *s.f.* Indixestión. (Damil, Gui., Sabu2).

8179 **empacho da panza** *s.comp.m.* Ver EMPACHO 1 /8166. (Caa).

8180 **nudo na tripa** *s.comp.m.* Probablemente, desprazamento do calleiro. O informante dinos que *non inchan pero terminan por morrer. Salvo gracia, retíraselle a vasura e só botan no curso unha limaxe branca*. (Ctel1).

8181 **empachada** *adx.* [Vaca] que padece unha indixestión. (Noalla).

8182 **empertigada** *adx.* [Vaca] paralizada a consecuencia dun cólico. *No Barroso empregan o pau* [de acevro] *para 'desempertigar' as vacas. O acevro, abendecido no Domingo de Ramos, emprégase tanto para resfregar as vacas inchadas coma para as persoas 'empertigadas' (tesas)*. (Raiaseca).

8183 **empilao** *adx.* [Boi ou vaca] que sufre unha empiladura. A forma feminina é *empilada*. (Drago., VGR).

8184 **enlibrada** *adx.* [Vaca] que padece unha indixestión. Tecnicamente existe unha patoloxía específica que se denomina *compactación do libro* (lémbrese, un dos preestómagos dos ruminantes) por grans, penso ou farelo, pero coa información que nos dan as nosas fontes non podemos asegurar que esta *vaca enlibrada* corresponda a este proceso. En calquera caso, entra dentro das indixestións do gando, polo que a explicación non é inexacta, quizais un pouco ambigua. As explicacións que temos tamén poden cadrar cos meteorismos, nos que é moi difícil facer distincións etiolóxicas, e máis para os gandeiros. Así, en Estr3 din o seguinte: "*Enlibrada*: enfermedad que se produce por comida en mal estado. La vaca empieza a hinchar (la barriga), deja de comer y puede morir". En Car2: "*Enlibrada*: es una indigestión. Se cura con manzanilla y *fiuncho*". En Vi-Val: "*Enlibrada*: enfermedad que se produce la comida en mal estado (quente (*fervendo*), hierba con la semilla, etc). Empieza el ganado a hinchar (inflamarse), deja de comer y generalmente muere. Se le dan unas hierbas

[215] Refírese Risco á posta de ovos da barbantesa (*Mantis religiosa*), que toma a forma dunha pequena bóla ovoide, aplastada, de natureza esponxosa, agochada baixo as pedras. Supón que o nome de *rumeallos* debe vir de aí, e que é posible que o emprego como menciña para as vacas obedeza á semellanza entre esa masa redondeada e esponxosa e a que as vacas forman coa saliva cando remoen (curación por principio de simpatía).

[216] VR8:243 contén a mesma información.

que hacen un efecto parecido al bicarbonato, se les hace tragar aceite para que pueda evacuar la comida". (Car2, Estr3, Vi-Val).

8185 **entambullado** *adx.* Ver ENZAMBOADO /8186. (Lan.).

8186 **enzamboado** *adx.* [Animal] conxestionado, inchado, que respira con dificultade. *¡Que enzamboada está a vaca!*. (Dozón, Lugo1).

8187 **desembazar** *v.* Quitarlle o *mal do embazo* -indixestión- [a un animal]. (Incio).

8188 **empacharse** *v.* Indixestarse. (Com1, ERG, Gun., Mra.).

8189 **empapuzar** *v.* Sufrir unha indixestión [o gando] por pacer herba mollada e facendo frío. O noso informante explica que se se botan as vacas a pacer nestas condicións, *poden 'empapuzar' ou deter-se-lle a comida no papo*. (Parade.:224).

8190 **empilarse** *v.* Empacharse [o gando vacún]. (Drago., VGR).

8191 **enfastiarse 1** *v.* Indixestarse [unha vaca]. (Com1).

8192 **enrilar** *v.* Indixestarse [unha res] con castañas, landras etc. (Piquín).

8193 **entambullar** *v.* Indixestarse [un animal]. (Burón, Cod., Suarna).

8194 **impacharse** *v.* Ver EMPACHARSE /8188. (Dum.).

8195 **estar atacada á panza** *loc. v.* Presentar indixestión [unha vaca], non remoer e te-la vagha dura coma unha pedra. (Barro).

8195b **estar entupida** *loc. v.* Presentar indixestión [unha vaca], te-la barriga inchada por ter comido moito. (San.).

8196 **non remoer migha** *loc. v.* Non remoer [unha vaca] como síntoma de empacho: *non remoe mija nin come*. (Negra.).

8197 **ter empacho** *loc. v.* Ter unha indixestión [unha vaca]. (Gond).

8.5.11. Meteorismo

Son un tipo particular de indixestións dos ruminantes caracterizado pola acumulación excesiva de gas ou escuma no interior do rume, o que se traduce nunha distensión máis ou menos marcada da pel do abdome, especialmente visible na parte superior do flanco esquerdo.

Hai que insistir no carácter sindrómico do timpanismo ruminal, que pode obedecer a un gran número de procesos patolóxicos. Nos ruminantes, na dixestión normal libéranse grandes cantidades de gas como resultado da fermentación do contido ruminal. Estes gases acumúlanse no saco dorsal da panza e son expulsados de forma continua mediante o arroto. Así, en último extremo, a causa do meteorismo é máis un fallo nos mecanismos do arroto que unha produción excesiva de gas. Ese fallo pode ser debido á ausencia da relaxación do cardia, a obstrucións no cardia ou en calquera punto do esófago ou á parálise motora da parede do rume, que impide as contraccións necesarias para a expulsión do gas, e calquera destes transtornos dá lugar ó que chamamos meteorismo sintomático. Pero tamén existen formas primarias, de orixe alimentaria, trala inxestión de determinados alimentos pobres en fibra e ricos en proteínas e carbohidratos de doada dixestión, como son as leguminosas verdes (alfalfa ou trevo), tubérculos, residuos de cervexería ou da industria do azucre, cereais xerminados.

Por veces, a dilatación da panza chega a encher totalmente a illarga esquerda e sobresaír por riba do nivel das apófises vertebrais da rexión lumbar a modo dun saco cheo de gas que, por percusión, produce un sonido timpánico (como de tambor) ó que debe o nome de *timpanismo* co que tamén se coñece esta enfermidade.

Segundo a causa que produza o meteorismo pode cursar de forma aguda ou crónica, sendo este máis frecuente, de curso recidivante. No primeiro caso pode provoca-la morte en 2-4 horas desde a aparición dos primeiros síntomas.

En canto á etioloxía atribuída popularmente ós meteorismos, lémbrese o dito antes na epígrafe 8.5.7. *Estomatite*.

Como veremos, moitos tratamentos que recollimos coinciden cos empregados nos casos de indixestión, cadro que adoita complicarse nun meteorismo.

Para o tratamento refréganlle o ventre cunha corda (Arc1), co que tratan de estimula-lo reflexo da erupción ou fan corre-la vaca (Arc1, Caa.). Tamén en Caaveiro (Caa.) danlle a beber á vaca enferma unto de porco disolto en auga moi quente e fregan moi forte cun pau de acivro na embigueira, a contrapelo, entre dous homes. En Laxioso (PCal2) chámanlle *argana* e, para que curen, paséannas moito, fannas correr e péganlles cun pau delgadiño, aínda que admiten que adoitan morrer. Outros remedios empregados son o aceite ou o sal, como purgante ou estimulante da remoeira (Vi-Val., Vixoan.). En Culleredo (Culle.) danlles auga onde puxeron a cocer *herbas de rata* [217].

[217] O noso informante non a identifica e nós non atopamos nada semellante.

O noso informante en Noalla di que lles dan a beber *xabón con aceite*, aínda que el explica que o xabón é *para limpa-la porquería que se lles forma aí dentro*; tamén fan pasea-la vaca polos camiños (Noalla3). Na Limia, cando a vaca incha, poñen unto envolto nunha verza debaixo do borrallo para que quenza ben e despois métenllo pola boca abaixo; tamén lle dan a beber viño con graxa (Lim6:704). Noutros sitios danlle unha boa toma de aceite para que devolva a *ra albariña*, considerada como causante da enfermidade, cando a vaca a envía entre a herba (Gro4). Non cremos que obteñan o resultado buscado, xa que nas vacas é case imposible provocárlle-lo vómito pero é certo que o uso de aceites axuda a reduci-lo inchazo.

O emprego de aceite e outras materias graxas ou de xabón actúa detendo a formación de gas e evitando a formación de escuma ó modifica-la tensión superficial do contido ruminal, polo que a terapéutica resulta efectiva e forma parte tamén da clínica veterinaria. Pola mesma razón, o emprego de purgantes pretende aumenta-la expulsión de gases.

A celidonia (*Chelidonium majus*) utilízase tamén contra o inchazo das vacas, ademais de ser boa como vermífuga e antidiarreica [218].

En Anseán danlle macela con augardente ou recorren a un trocar na parede abdominal [219]. Tamén recorren ó trocar ou á auga salgada na Pontenova de Vilaodride (Xudán1). En Ames (Tapia-C) cura con *algo carbónico* ou, en último caso, cunha punción na panza. En Culleredo (Culle.) fanlle ó animal un corte cunha agulla ou cunha navalla nos illares, *millor no vacío esquerdo que é o que máis hincha*. En Callobre (Callo.) o que lle dan é leite ou *auga de carabaña* [220] e tamén macela e bicarbonato; tamén se pode librar meténdolle un brazo pola gorxa ou pinchando na illarga; chámano-la atención que, neste caso, o informante especifique que ten que ser *na illarga da dreita, que é o vacío que ten a vaca*, cando o certo é que o lugar de elección para face-la punción da panza é sempre a illarga esquerda, no medio do triángulo que debuxa a coxa, a última costela e as apófises das vértebras lumbares.

O recurso á punción abdominal é sempre perigoso e cómpre facelo coas necesarias precaucións e como último recurso. Débese fixa-lo trocar á pel e mantelo colocado durante unhas horas, ata que o animal comece a rumiar.

En Reboredo-Sarria (Sete-S) temos recollido o seguinte ensalmo:

Pola serra d'Ailloa [221]
tres virgenes ven,
dicen unhas contra as outras:
Mira a vaca de fulano [222]
que hinchada está,
ponlle a man chá [223]
que xá deshinchará.

Finalmente, sinalemos que en Asturias din que unha vaca *está entelá*, *entelada* ou padece *entelaúra* cando sofre meteorismo; outros nomes son *mal del bazu* e *rosar*. Como remedios, utilízanse os seguintes: paseala, picala na illarga cun obxecto puntiagudo, darlle a morder un pau sucio (tal como se atope no camiño) ou un rabo de peixe, cebola cocida con aceite, mazarocas torradas ou darlle a beber unha botella de viño branco [224].

8198 **albariña 1** *s.f.* Insecto velenoso que, comido polas vacas, fainas inchar, e a mesma enfermidade do gando que o come. O primeiro dicionario no que apareceu a denominación *ran albariña* foi o de Marcial Valladares. E algo convida a pensar que Valladares malentendeu uns versos de Rosalía de Castro (*Grilos e ralos, rans albariñas, sapos e bichos de todas crás. Mentras ô lonxe cantan os carros, ¡Qué serenatas tan amorosas n'os nosos campos sempre nos dan!* [en *Follas Novas*, p. 59, 2ª edic.]) onde probablemente había que entender "rans, albariñas", porque a *albariña* non é unha ra senón un insecto. O caso é que MVN lematizouno como unidade polilexical (*ran albariña*), aínda que o considera claramente un insecto e engade que tamén designa a

[218] EB1:50-51. No gando tamén se usa como aperitivo, purgante, diurético e colagogo (AGS:95), pero tendo en conta que o seu uso interno é perigoso pola súa toxicidade (AGS e FQ).

[219] *Se le aplica una especie de embudo que atraviesa la piel del animal, de esta manera sale el aire. Si no se consigue que le salga el aire al animal, se le hace beber manzanilla con aguardiente*. Cremos máis verosímil que o tratamento sexa ó revés: primeiro intentar coa macela e despois co trocar, que non é outra cousa esa *especie de embudo que atraviesa la piel*.

[220] *Auga de Carabaña*: auga minero-medicinal extraída dun manancial situado no Cerro de Cabeza Gorda, en Carabaña, Madrid, de sona como tónico dixestivo e purgante, e da que se di que era coñecida e consumida xa polos romanos.

[221] Monte preto de Reboredo.

[222] E engade: *se dice el nombre del dueño*.

[223] Pero engade: *y se le da un golpe en el vientre de la vaca con el canto de la mano*.

[224] LC:301-302.

enfermidade que a picada deste insecto produce nos bovinos: "Especie de enfermedad en el ganado vacuno. El mismo insecto venenoso que produce dicha enfermedad, el cual es encarnado y se parece á una Cascuda". A cousa pasa, en parte, ó primeiro dicionario da Academia "ALBARIÑA s. f. zool. Insecto venenoso, de color rojo, de la forma de una cucaracha, al que los labradores llaman también *cascuda*. Cuando lo come el ganado, le produce una enfermedad, que recibe el mismo nombre que el insecto. 2. s. f. Enfermedad que ataca al ganado vacuno cuando come el insecto llamado *albariña*; la principal característica de esta enfermedad, es la hinchazón, según los campesinos. [...] *Ran albariña*. La cigarra (chicharra). Lo mismo que *ran albar*". E segue a cita dos versos de Rosalía. Vemos que neste mesmo dicionario se fai sinónimo da chicharra ou cigarra, aínda que o insecto que produce esta enfermidade é diferente. E pasa tamén ó Dicionario de Carré: "Insecto venenoso, parecido a la cucaracha y de color rojo.[...] Ran albariña. Cigarra". En cambio, nin Ibáñez nin Eladio Rodríguez dan tal denominación composta. Este define a *albariña* como "Insecto venenoso, de color rojo y de la forma de una cucaracha, que nuestros labradores llaman también *cascuda*. Enfermedad que ataca al ganado vacuno cuando come la *albariña*, y que consiste en un hinchazón, según los campesinos". Franco Grande volve a falar da *ran albariña* e identificaa tamén coa "cigarra o chicharra" e no Carré póstumo mantense a denominación *ran albariña*. Aínda que, como dicimos, estamos falando dun insecto (e, insistimos, non dun batracio) e mais da enfermidade que supostamente provoca, tamén hai que recoñecer que, por veces, na lexicografía hai denominacións que contradín o significado, porque xogan complexos e escuros procesos de transferencia semántica, metáforas, metonimias e sinécdoques: o que en castelán se coñece como *alacrán cebollero* (*Gryllotalpa gryllotalpa*, coñecido en galego como *carriola, corta, cortón, ralo, grilo ceboleiro*) non é un alacrán senón un insecto semellante ó grilo pero máis grande; do mesmo xeito hai unha planta que se chama *pé de boi*, que nin é un pé nin é dun boi; e un crustáceo coñecido como *boi de mar*, que tampouco é un boi. Esta mesma transferencia de significados pode explicar perfectamente a denominación de *ran* para un insecto. (ERG).

8199 **albariña 2** *s.f.* Enfermidade caracterizada por tremedeira, inchazón do ventre e morte do animal en vintecatro horas. É posible que non se trate realmente dun meteorismo primario senón dun carbuncho que, como xa vimos, tamén provoca meteorismo. (Abe.).

8200 **arau** *s.m.* Ver RAU /8211. (CP).

8201 **argán** *s.m.* Ver ARGANA /8202. (Lama).

8202 **argana** *s.f.* Meteorismo supostamente causado por un insecto que as vacas comen entre a herba. A diferenza doutras voces semellantes (*agana*, *agano*, *arghana*) que vimos como causa dunha glosite, esta *argana* que nos documenta PCal2 é claramente un meteorismo: "Argana: se le da este nombre debido al vicho [sic] que comen, por lo que hinchan mucho. Para que les pase, las pasean mucho, las hacen correr y les pegan con un palo delgadito. Por lo general suelen morir". Dá a impresión, pero tampouco o podemos asegurar, que chamen así ó *bicho*, é dicir, ó insecto que describen outras fontes, e tamén, por traslación semántica, á enfermidade que -supostamente- provoca. (PCal2).

8203 **arrán** *s.m.* Ver RAU /8211. (CP).

8204 **arrau** *s.m.* Ver RAU /8211. (Lan.).

8205 **cascuda 1** *s.f.* Insecto que, comido polas vacas, cre a xente que produce meteorismos. (Cab., Com1, Cur., ERG, Gui., Nove., San., Sob).

8206 **cascudo** *s.m.* Ver CASCUDA 1 /8205. (Caa., Feás-A, Gro1, Sob).

8207 **empacho 2** *s.m.* Meteorismo gasoso. Da descrición do noso informante queda claro que non se trata dun simple caso de indixestión. Neste caso, en Vixoán. chaman *empacho* á "hinchazón de la vaca por comer hierba demasiado fría o caliente. Para curarla le introducen en la boca sal o aceite y esto le hace rumiar la comida. La hinchazón puede producirse por otras causas". (Vixoán).

8208 **gases** *s.m.pl.* Indixestión gasosa causada por fermentación anormal de algún alimento, como trevo, verzas etc. (Rábade).

8209 **inchazón** *s.f.* Meteorismo. A nosa fonte escribe *hinchazón*. (Culle., Lagar.).

8210 **nacida 2** *s.f.* Escaravello que pode produci-la morte do animal que o coma. Probablemente deba o nome á similitude co carbuncho. Non descartamos un erro diagnóstico do informante entre carbuncho e meteorismo, pero polo que nos di a *nacida* é un "escarabajo negro, al que los campesinos para reconocerle salivan y si echa un líquido sanguinolento es que se trata de la *nacida*, que puede producir la muerte del animal que la trague". (Tabor).

8211 **rau** *s.m.* Insecto negro, menor có grilo, que disque se aloxa baixo a lingua ou se inxire ó pacer, e produce a sulengua. Engade tamén que é velenoso, "pois se se lle bota unha cuspidiña poñen vermello o cuspe". O informante describe a enfermidade (*sulengua*) na px. 280 e o

insecto causante dela nas pp. 292-293. Cómpre salientar que na primeira escribe *un rau*, e na segunda *dous raus*, polo que recollemos esta voz con xénero masculino. Ademais, admite que é transmisible ó home, o que dá sentido ó exemplo de uso que dá: *Comin dous raus e mais non morrin*, que se supón en boca dun home. Esta é a única información que temos dos posibles efectos deste insecto no home, mentres que tódalas demais fontes só nos falan da súa capacidade de mata-lo gando. (Parade.).

8212 **rela** *s.f.* Insecto que, enviado polas vacas coa herba, fainas inchar. Laureano Prieto descríbea deste xeito: "La *rela*: En Carracedo la describen como un insecto amarillo que vive entre las hierbas de los prados, es de color amarillo. Nadie la ha visto. Pica a los perros inoculándoles la hidrofobia. Por eso dan tres vueltas antes de acostarse, mirando detenidamente si hay alguma [sic]" (información de Domingo Grande, de Pentes). "A las vacas las pica en la lengua produciéndole gran inflamación" (en Carracedo y Erosa). "Se considera tan ponsoñoso que se dice: *Se te morde a rela, podes buscar a sabela*" (Ceferino Cerviña, de Pentes) (Gud7:65). Outras fontes (Com1, Gud., Mez., Nove.) descríbena como "cantárida o insecto verde que, tragado por las vacas, hace que éstas hinchen y se mueran si no se le aplica remedio". Outra información da Mezquita, tamén de Taboada Cid, di que con tal nome se designa unha enfermidade do gando vacún que produce inchazón dos ollos, vulva e ampolas baixo a lingua. Aníbal Otero explica o seguinte, s. v. *rela*: "Ránula, 2 acep., en Santa Cecilia y en Famalicão; *raiela*, en Rebordãos, *renla*, en V. das Meás; *enrán*, en Arbo; *arrá papeira*, en Viñoás; *arrao*, en Pacios. El pueblo no la define así; para él es siempre un bicho, que produce esa enfermedad. Así, en Famalicão dicen que es una ranita que hace reventar al ganado que la come en el pasto; en V. das Meás la definen como un bicho semejante al ciempiés, pero venenoso; en Arbo dicen que es pequeña y redonda y que echa un líquido venenoso si le escupen encima. C[arré] sostiene que es 'un insecto de color amarillo que vive entre las hierbas de los prados. Es creencia popular que si pica a un perro, éste rabia, y si lo come el ganado, hincha y muere'. El mismo bicho (y enfermedad), a lo que yo pude entender, recibe los nombres de *sangüeira*, en Barcia; *sanquiña*, en Cuntis; *nacida*, en Cerdedo; *agano*, en Chantada; *esgana*, en Fornelos de Montes; *sulengua*, en Sismundi, y *carranco* 'gusano que se cree contiene la agana o galio y dícese que produce la muerte al ganado que lo come. *Rana de los árboles*, en C[arré]. Este autor define la *sanguiña* como 'timarca; insecto coleóptero', y FA la *sangüeira* como enfermedad del ganado lanar. En Barcia, la *sangüeira* es un insecto que echa sangre si le escupen encima. DEL LAT. *RANELLA*" (DdD: "rela"). Para maior información do lector, e sen que queiramos establecer máis relación cá semántica, digamos que *rela* e *relo* son nomes, coincidentes co portugués, da ra de san Antón. E así o refrán de Llópiz: *A iauga cría relas e trai as maleitas* , no que explica que *rela* é a ra verde dos prados, e *maleitas* as febres tifoideas. Outra voz que lembramos agora é *ralo ,* que designa a chicharra (segundo Llópiz e Constantino García), así como a cadela da verdura, o grilo ceboleiro e mesmo unha ave noitébrega chamada avelaiona. En canto á posible atribución deste significado para a voz *rela* en Cou3, véxase o comentario a VACORELO /13847 na epígrafe 13.1. (Com1, Cou3, CP, Gud., Gud7, Mez., Nove., Raiaseca, VLQ).

8213 **relo** *s.m.* Ver RELA /8211. As nosas fontes en Pedro. e Codeso. non dan ningunha información que explique o significado da voz, polo que incluímos aquí esas localizacións só pola coincidencia coas outras fontes, nas que si consta que se trata do mesmo insecto descrito na voz *rela*. (Codeso., Com1, Gud., Laxe, Mel1, Pedro., Razo, SComba, Sob).

8214 **renla** *s.f.* Ver RELA /8212. (Raiaseca).

8215 **renlo** *s.m.* Ver RELA /8212. (San.).

8216 **timpanismo** *s.m.* Acúmulo de gases na panza por fermentación do contido ruminal con inchazón máis ou menos evidente da mesma. (TapiaC).

8217 ***ranilla 2** *s.f.* Ver RAN DE SAN ANTÓN /8220. (FMS, Xun2).

8218 **ra albariña** *s.comp.f.* Ver RAN DE SAN ANTÓN /8220. Consultados outros dicionarios, vocabularios e guías de anfibios, ningunha utiliza este nome, nin outro parecido, para denominar esta especie de ra, máis coñecida como *ra de san Antón* ou *estroza* (*Hyla arborea*). De feito, Gro2 é a única fonte que testemuña tal nome, sen esquecer que Gro1 recolle *ra da uva*, o que nos fai pensar inmediatamente na uva albariña. Pero si que atopamos noutras fontes os nomes de *albariña*, *ra albar* ou *ra albariña* para designa-la cigarra ou chicharra (ERG, GEG, GAL). Agora ben, cómpre recolle-la opinión de Constantino García ó respecto, quen considera que tal asignación se debe a un erro introducido por M. Valladares en 1884 que malinterpretou uns versos de Rosalía de Castro e engade tamén que consultadas as papeletas do ILG non se recolle por ningures o nome de *ran albariña* para a chicharra (CGG2:

Rans albariñas, 158). Ver ALBARIÑA. 1 /8198. (Gro2, Noalla3).

8219 **ra da uva** *s.comp.f.* Ver RAN DE SAN ANTÓN /8220. (Gro1, Noalla3).

8220 **ran de san Antón** *s.comp.f. Hyla arborea*. Ra verde, pequena, de patas traseiras longas e dedos rematados en discos adhesivos. Trátase dunha ra de pequeno tamaño (35-45 mm de lonxitude), de cor verde viva uniforme (que segundo as circunstancias pode variar a gris ou parda) no dorso e branca polo ventre, con dúas bandas mouras nos costados que percorren todo o corpo. Véxase a descrición que desta ra facía o P. Sarmiento (8.5.7. en nota a rodapé). Atópase distribuída en toda Galicia, sempre ligada a masas de auga estables, e gusta de trepar polos matos, especialmente toxos e silvas, así como permanecer queda entre a herba, asoleándose. Tamén se coñece como *estrosa* e *estroza*. Eladio Rodríguez define erroneamente a *estroza*, un anfibio, como "reptil venenoso", pero segue dicindo que tal nome "suele aplicarse a la rana arbórea". Recolle de Valladares a afirmación de que "nuestros labradores creen el pequeño reptil nocivo para el ganado vacuno si éste lo muerde al comer la hierba". A crenza popular afirma que, cando mexa na herba, produce meteorismo na vaca que pace esa herba. Nalgúns lugares atribúen o meteorismo a que a vaca comeu a ra que accidentalmente ía no medio da herba. De feito, cando é capturada segrega pola pel un líquido viscoso que resulta irritante para as mucosas. Descoñecemos ata que punto pode actuar sobre a mucosa bucal dunha vaca que, accidentalmente, poida tragar unha ra agachada na herba. (ERQ).

8221 **impada** *adx.* Ver INCHADA 1 /8223. (Noalla).

8222 **implada** *adx.* Ver INCHADA 1 /8223. A nosa fonte descríbeo como "é cando estos animais [as vacas] están inchados". O noso informante engade que esta enfermidade "dáse en cualquier tipo de animais, principalmente nas vacas". O problema é que o meteorismo, indixestión gasosa da panza, é enfermidade exclusiva dos animais ruminantes (vacas e ovellas, se nos referimos ós animais domésticos). (Noia).

8223 **inchada 1** *adx.* [Vaca] que padece un meteorismo. A nosa fonte escribe *hinchada*. (Anseán, Baíñas, Callo).

8224 **antelar** *v.* Incharse o ventre, padecer meteorismo. (Ancares2).

8225 **aventar 3** *v.* Incharse o ventre, padecer meteorismo. (Ancares2).

8226 **entalar** *v.* Incharse a vaca por comer herba que fermente moi facilmente. A nosa fonte explícanos que *hai veces que as vacas entalan, porque comen muita comida de trébol, de outono, comen demasiado e inchan, entonces hai que cunha especie de subela furalas no vacío para que lles saiga o aire, sinón poden rebentar, estourar*. (Tras.).

8227 **inchar 1** *v.* Padecer un meteorismo. O informante di que acontece na primavera, por comer moita herba e esta-la vaca débil. (Gud.).

8228 **comer a ra** *loc. v.* Comer [unha vaca] un *bicho* que vén entre a herba e que produce meteorismo. Trátase dunha crenza popular para explicar que a vaca padeza meteorismo. O noso informante de Rib-S explica que a tal *ra* é un "animal negro que a veces viene en el pasto de las vacas y produce su muerte". Cremos que ese *animal negro* é o escaravello do que falamos anteriormente, pero vai saber se se trata da *ra de cor negra* que menciona Sarmiento. (Rib-S).

8229 **estar imbrada** *loc. v.* Padecer [unha vaca] meteorismo. (Cerp).

8230 **inchar como un bombo** *loc. v.* Sufrir un meteorismo [a vaca]. *O gado que ven moi afogueirado do traballo non debe beber auga fria nen comer herba verde deica descansar e deica despois de comezar a 'remoer' (esmoer), pois no caso contrario pode-lle facer mal a auga fria ou a herba verde e chegar a 'inchar como un bombo', non sempre con bos resultados*. (Parade.:225).

8231 **te-la nacida** *loc. v.* Padecer inchazón [unha vaca] supostamente causada por un insecto que comen as vacas coa herba. Debe terse presente que co nome de *nacida* ou *nacidas* denomínase máis comunmente o carbuncho. Nesta entrada recollémo-la denominación dunha patoloxía diferente, un meteorismo que non ten a gravidade do carbuncho. (Cerd1, Tabor).

8232 **te-la *ghanilla** *loc. v.* Ver TE-LA NACIDA /8231. (Sou3).

8233 **te-las relas** *loc. v.* Ver TE-LA NACIDA /8231. (VLQ).

8234 **te-lo argán** *loc. v.* Ver TE-LA NACIDA /8231. (Lama).

8235 **ter un empache** *loc. v.* Ter [unha vaca] unha indixestión que produce parálise de panza con fermentación anormal do contido e aparición de moito gas. (Sou3).

8.5.12. Papilomatose

Enfermidade vírica caracterizada pola aparición de tumores cutáneos de natureza benigna, máis ou menos voluminosos. O tamaño destes tumores varía desde uns poucos milímetros (*espullas*) ata o tamaño dunha mazá ou máis grandes (*papilomas*).



Papilomatose nos tetos.

Son tumores benignos constituídos polo epitelio da pel ou mucosa –fibroepiteliomas- onde asentan e o tecido conxuntivo subcutáneo portador dos vasos sanguíneos. Adoitan localizarse no ventre, bragada e ubre e rara vez noutras rexións do corpo, todas elas rexións de pel fina e extremadamente sensible. Son máis frecuentes nos becerros de 6 a 18 meses que nos animais adultos. Estes tumores case sempre caen de seu en canto os animais saen ó campo a pacer na primavera.

Se aparecen nos tetos, dificultan a muxidura, polo que o gandeiro intenta eliminalos. Para extirpalas espullas dos tetos cóllese un fío de seda (Abe.) ou unha seda do rabo (Cam2, Arc1, Callo.) e átase a espulla ata que cae soa. A razón é que, deste xeito, prívase de circulación sanguínea o tecido tumoral, ata que necrosa e se desprende. Advirte o informante que, se se corta e sangra, *por onde corre o sangue todo son verrugas* (Cam2). Outras veces queiman as espullas frotándoas co varredoiro do forno quente, despois de varre-lo forno [225].

En Teo (Agro.) distinguen entre os *espunllos usurosos*, que disque están *metidos por dentro* e tratan con auga de trobisco [226], e os *espunllos larjos*, que eliminan atándoos cunha seda do rabo.

En Callobre tamén lle botan cinza de cortiza ou borralla de figueira con aceite (Callo.). En Cambados cúrannas con *auga de eucalipto*: infusión de follas novas de eucalipto (Camb1:55, Castre.), que tamén usan para cortes e feridas na xente e nos animais; e en Santaia curan as *verrughas* con viño de bieiteiro (San.:167). Outros remedios son molla-las espullas con mexo de muller preñada ou co sangue da menstruación (Arc1) ou untalas con unto de porco sen sal (Sisto).

En Navia (de Asturias) denominan *figas* estes papilomas; e, para evita-la enfermidade, colocan sobre o presebe das vacas un mañizo de bieiteiro [227].

En Benquerencia (Ben.) disque se cura chamándolle á vaca *Figueira* e que se se lle chama por outro nome volven a saír [228]. Tamén en Paradela: *As 'espunllas' son as espullas que lles saen ás vacas nos tetos e no úbere, que din que se lles quitan cambiando-lle a cada unha o nome que teña polo de 'Figueira'. Hai quen o fixo e foi santo remedio* (Parade.:281).

---

[225] M. Carmen Lodeiro, Folgoso (Sobrado dos Monxes).

[226] Ve-lo comentario que fixemos sobre os usos veterinarios desta herba en 8.4.3. *Helmintiase*.

[227] DA: 17. Define estas *figas* como *postillas a modo de higos pasos que les salen en el vientre y patas delanteras*.

[228] Para comprende-la relación das espullas coa figueira, temos que recorrer a un dos significados da palabra *ficus* en latín, *condiloma*, espulla en forma de figo, posiblemente referida a un hemorroide. Por tal razón, a teoría dos signos ou das similitudes (entre a forma dos figos e das veas varicosas hemorroidais), que atribúe efectos terapéuticos ás plantas segundo a forma da parte utilizada, recomenda o consumo de figos para cura-las hemorroides, remedio popular que Font Quer documenta como moi común. E así o refrán: *Higo chichón, para mi señor; higo maduro, para mi culo* (FQ:123).
É sabido que a figueira é árbore estimada pero tamén maldita en Galicia. Non hai que esquencer que tradicionalmente na eira de toda casa galega hai unha figueira, e non falta quen vexa nisto unha rememoración da tradición de que no paraíso había figueiras e que

E tamén recolle esta crenza Xosé Manuel Carballo nun conto titulado *A Cuca*: *Solo a Figueira, que se chamaba así porque de pequeniña tivera moitas verrugas i era medio retrasada mental, lle prestou unha certa atención* [229].

8236 **alcolicano** *s.m.* Enfermidade que se manifesta con papilomas ou verrugas no ventre e no ubre. (San.).

8237 **borreca 1** *s.f.* Verruga. (Piquín).

8238 **bucha 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre e no ventre. (Bas).

8239 **bulbo** *s.f. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre e no ventre. (Troán1).

8240 **burra** *s.f.* Verruga. (Seo).

8241 **carafuncho 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre e no ventre. (Aranga, Noal).

8242 **dada** *s.f. Ú. m. en pl.* Espulla nos tetos das vacas. Outras informacións fan equivale-la *dada* a unha mamite ou calquera outra inflamación do ubre (e mesmo nos peitos das mulleres lactantes). Pintos defíneo en castelán como "Dada, valida, mal que le da a los frutos por la mala estación. Asi estas patatas tienen *dada*, les alcanzó la *dada*, etc.". O DRAE non recolle *dada* nin *valida*. (LCA,VLLM).

8243 **durés** *s.f.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. (Buga-A).

8244 **empenxa** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Pade., Ribe1).

8245 **empunxa** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Callo).

8246 **engurricha** *s.f.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Goián).

8247 **esfoulla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Xudán1).

8248 **espenxa** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Negral).

8249 **espincha 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. Ver tamén nota a VERRUGA 1 /8300. (Com1, Lava.).

8250 **espinxa** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Cur1, Feás-A, Xun.).

8251 **esponta** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Parga).

8252 **espulla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Tumoración que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. O noso informante en Ben. descríbeo como *tumores que se curan chamandolle á vaca 'Figueira'. Si se le chama por otro nombre volven a salir*. (Común. ILG: 46 (C:12, LU:10, OU:5, PO:19)).

8253 **espullo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. En plural recólleno Estr3 e Melias. (Abadín, Cab., Cadrón, Calo, Carde., Carño2, Ced., Cerd2, Com1, Conxo, Estr3, Feás-A, Fol-C, Gui., Melias, Mira., Mondo1, Nove2, Ped1, Vi-Val., Vilar, Xun.).

8254 **espundia** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Gud., Saa., Taboa., Val-LE, Vixoán).

8255 **espunlla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. En singular recólleno Com1 e Razo. Abe. anota tamén *espunllas polo corpo*. (Abe., Callo., Carr-G, Cast., Com1, Couso, Covas, Crendes, Eixo, Figue1, Grixoa, Lagar., Macei., Negr2, Oroso2, Parade., Pre., Razo, Rendal, San., Somo1, Teo, Verdía).

8256 **espunllo 1** *s.m.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Agro., Arzón, Razo, Somo2, VFrore.).

8257 **espunxa** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Callo., Gui.).

8258 **espuña 1** *s.f.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Buga-N, Com1).

8259 **espuño** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Figue2).

8260 **figa** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver FIGUEIRA 1 /8263. (Vill-O).

8261 **figheira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver FIGUEIRA 1 /8263. En Oliv., Valad2. e Lamas as nosas fontes escriben *figeiras*. No resto das localizacións, *fijeiras*. Rama. é o único que o recolle en singular. (Cang2, CTui, Fózara, Frei., Guil2, Lamas, Neves2, Oliv., Rama., Randu., Salv3, Valad1, Valad2).

8262 **figua** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver FIGUEIRA 1 /8263. (Sisto).

8263 **figueira 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. As nosas fontes en Burón, Suarna e Vil. (así como Gud, que nos dá *figueiro*), quitadas do *Glosario de voces galegas de hoxe*, definen textualmente a *figueira* como "erupción que les sale a las vacas en el vientre". Ancares2 defíneo simplemente como "excrecencia". Xa vimos que en moitos sitios cren que se lle cambia o nome á vaca polo de *Figueira*, curan definitivamente as espullas (Ben., Parade., XMC). Por outra banda, sabemos que co leite que botan os figos aínda verdes tentan curar nalgúns lugares as espullas da xente. Máis aínda, en Callobre, para cura-las espullas do gando utilizan borralla de figueira con aceite (Callo). (Amandi, Ancares2, Arroxo, Baltar, Burón, Carr-G, Cere., Dis., Fol-LE, IR, Laiosa, Laraxe, Meira2, Penela, Piñei2,

---

con follas de figueira se cubriron Adán e Eva cando se decataron de que estaban en coiro (Xén. 3,7). Posiblemente de aí veña a *figa* e o *figón*. Cando Xesús se dirixía de Betania a Xerusalén, veu unha figueira e quixo comer uns figos. Pero era nisán (marzo máis ou menos) e naturalmente aínda non os dera a figueira. Incomodouse e maldizoouna e a figueira secou: conto puramente simbólico de Xerusalén que só tiña porte pero non froito (Mt. 21,18-19; Mc. 11,12-14). A tradición apócrifa di que foi nunha figueira onde se pendurou Xudas para suicidarse: *A figueira é un albre treidor, que nil aforcouse Xuncras tras de vender ao Señor* (VLLM:195,17), aínda que a tradición bíblica non especifica tal cousa (Mt 27, 3-10; Feit 1, 18-19). Vén de vello crer que a sombra das figueiras non é boa para a xente, na que produce a *fiebre gripal*: *Umbra de figueira trai as maleitas* (VLLM:499), *Baixo da figueira andan as maleitas* (VLLM2:452) [engadamos nós que as *maleitas* ou *tercianas* son unha forma de paludismo, caracterizada por febres intermitentes que se producían cada tres días], crenza presente noutras latitudes: *La sombra de la higuera mata a cualqueira.* E tamén se sabe que é árbore traidora, porque as pólas tronzan con certa facilidade, levando bos tombos os que queren agatuñar a polos mellores figos, consonte di a locución galega s*er coma a leña da figueira, recia de lume, fraca de madeira*.

[229] XMC:28. Ve-lo conto completo no capítulo 16. *A vaca na literatura*.

Piquín, RAG, Rib-S, Suarna, Taboa., Vil.).

8264 **figueiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver FIGUEIRA 1 /8263. (Gud.).

8265 **flamo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver FLAMÓN 3 /8266. (Burgo).

8266 **flamón 3** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "espullas que lles saen ás vacas no ubre e no ventre". (Piñe.).

8267 **fleimón** *s.m.* Ver FLAMÓN 3 /8266. (Viso1).

8268 **flemón 2** *s.m.* Ver FLAMÓN 3 /8266. (MCouso).

8269 **frida 2** *s.f. Ú. m. en pl.* A nosa fonte defíneo como "espullas que lles saen ás vacas no ubre e no ventre". (SComba).

8270 **furuncho** *s.m. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. (Mon).

8271 **herpe 2** *s.m.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. (Saiar).

8272 **humor 2** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "espullas que lles saen ás vacas no ubre e no ventre". (Ribad).

8273 **impíxigha** *s.f. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. A nosa fonte escribe *impixijas*. (Valad1).

8274 **inchazo 4** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "espullas que lles saen ás vacas no ubre e no ventre" e escribe *hinchazo*. (Couce).

8275 **lixo 6** *s.m.* A nosa fonte defíneo como "espullas que lles saen ás vacas no ubre e no ventre". (Sende).

8276 **lobiño** *s.m. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. (Lestón).

8277 **lubillo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver LOBIÑO /8276. (Antas3).

8278 **medra 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. (Vrei.).

8279 **mor** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das espullas que lles saen ás vacas no ubre ou no ventre. ¿Será erro por *tumor*? (Ver TUMOR 3 /8291). (Bar-Co).

8280 **orruga** *s.f.* Ver VERRUGA 1 /8300. (Cab.).

8281 **palmoeira 9** *s.f. Ú. m. en pl.* A nosa fonte defíneo como "espullas que lles saen ás vacas no ubre e no ventre". (Arca, Baña2, Vilaf).

8282 **panxema** *s.f. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. (Meir.).

8283 **peixe** *s.m.* Papilomatose, enfermidade que consiste en pequenos tumores na pel do ubre e do ventre da vaca. Lémbrese que nos dous mesmos lugares *empeixar* significa inflamarse o ubre da vaca. (Caa., Cab.).

8284 **pelota 2** *s.f.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. (San.).

8285 **porca 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. (Cam4).

8286 **pulmoeira 5** *s.f.* Ver PALMOEIRA 9 /8281. (Lañas).

8287 **pulla 1** *s.f.* Ver ESPULLA 1 /8252. (Cur.).

8288 **sarapullo** *s.m.* Conxunto de espullas que lles saen ás vacas no ubre ou no ventre. (TapiaC).

8289 **temor** *s.m.* Ver TUMOR 3 /8291. A nosa fonte explica que "ataca a todo el cuerpo en forma de bulto. Se cura cortandoselo". (Medín).

8290 **tomor** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver TUMOR 3 /8291. (Cur., Lago).

8291 **tumor 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. (Buga-A, Caban., Dum., Lous., Lucí, Medín, Ribó).

8292 **varruga** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver VERRUGA 1 /8300. (Com1, Fara., Gui., Gun., Ram., Sabu2, Vil., Xun.).

8293 **velro 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VERRO 3 /8299. (Rus).

8294 **vergho 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VERRO 3 /8299. A nosa fonte escribe *berjos*. (Santi.).

8295 **vergo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VERRO 3 /8299. (Consta., Gui., Parga).

8296 **vérrago 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VERRO 3 /8299. (Oirán).

8297 **verreco 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VERRO 3 /8299. (Busta., PSeca).

8298 **vérrego 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VERRO 3 /8299. A nosa fonte escribe *bérregos*. (Piñor).

8299 **verro 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das espullas que lles saen ás vacas no ubre ou no ventre. A nosa fonte escribe *berros*. (Baíñas, Cer., Cruído, Ortoño, Pal., Sofán, Vcova).

8300 **verruga 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre ou no ventre. A nosa fonte en Laxosa escribe *berrugas* e en Lava. especifican que este nome o reciben cando son lisas, pero que cando teñen forma de folla se chaman *espinchas*. (Alla2, Baltar, Burón, Caa., Cab., Cam2, Ced., Com1, Cur., Dum., Gro1, Incio, Lava., Laxe, Laxosa, Ped., Razo, SComba, Sob., Val., XER).

8301 **verrugha 1** *s.f.* Ver VERRUGA 1 /8300. As nosas fontes escriben *verrughas* ou *verruja*. (Lucí, Macei., San.).

8302 **vorreghón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver VERRUGA 1 /8300. A nosa fonte escribe a forma do plural *borrejós*. (Negra.).

8303 **vorruga 1** *s.f.* Ver VERRUGA 1 /8300. (Cal.).

8304 **vulto 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das espullas que lles saen ás vacas no ubre ou no ventre. A nosa fonte escribe *bultos*. (Anseán, Cunt2, Gui., Medín, Noice., PSil, Suevos, Vtose).

8305 **vurruga** *s.f.* Ver VERRUGA 1 /8300. (Suarna).

8306 ***ampolla** *s.f. Ú. m. en pl.* Espulla que lle sae á vaca no ubre e no ventre. (Arme., Pravio).

8307 ***clavo 2** *s.m.* Verruga. (Lobi1).

8308 **espunllo largho** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Papiloma pediculado que pendura da pel. A nosa fonte escribe *espunllos larjos*. A nosa fonte di: *'Espunllos larjos': átaselle moi fuerte unha seda (pelo) do rabo e, cando seca, cae*. (Agro.).

8309 **espunllo usuroso** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Papilomas que parecen nacer debaixo da pel. A nosa fonte di que *están metidos por dentro e cúranse con ajua de trovisco*. (Agro.).

8310 **enverrugada** *adx.* [Vaca] que ten verrugas. (Ancares3).

8311 **vorruga 2** *adx.* [Vaca] que ten verrugas. (Arc1).

Aceite fervido con folla de romeiro, adóanse as dadas do peito. (VLLM:2,469) [230]
Romeiro fervido en oleo craro tira o bravo das dadas. (VLLM:2,469) [231]

8.5.13. Parálise

Entendemos por parálise a perda de movementos como consecuencia dunha malfunción do sistema nervioso. Non se debe considerar unha enfermidade en si mesma senón un síntoma, que se pode deber a diferentes procesos de orixe nerviosa, ósea, muscular, metabólica etc. Pode incluír ou non perda de sensibilidade e pode afectar todo o corpo, unha ou varias extremidades ou un órgano ou rexión concreta. Denomínase *paraplexia* cuando a parálise afecta tódalas estruturas por debaixo de certa altura, *hemiplexia* cuando afecta a metade dereita ou esquerda do corpo. Cando a parálise só afecta temporalmente a forza muscular, denomínase *paresia*.

O cadro máis común na clínica bovina é o decúbito permanente, con imposibilidade de incorporarse ou de manterse en pé, que obedece a moi diferentes causas.

8312 **alferesía** *s.f.* A nosa fonte descríbeo como "parálisis de la vaca, hemiplejia o paraplejia". (Tab1).

8313 **alfresía** *s.f.* A nosa fonte explica que é "atrofia muscular de la vaca". (Noalla).

8314 **paralís 1** *s.m.* Parálise. En Noalla engaden que na xente se chama *felesía*. (Noalla, Verdu).

8315 **varada 2** *adx.* [Vaca] paralizada. A nosa fonte non explica máis. (Noalla, Verdu.).

8.5.14. Raquitismo

Enfermidade carencial dos animais novos, e dos rapaces nos anos da fame, caracterizada pola aparición de deformacións óseas irreversibles e debida á carencia de vitamina D (responsable da fixación do calcio nos ósos) e de fósforo. Os síntomas patognomónicos son as patas curvadas (epífises dilatadas e curvatura das diáfises [232]) e uns avultamentos nas costas, no punto de unión entre a costela e o óso maimiño (cartilaxe costal): o *rosario costal*, moi evidente nos meniños. Resulta máis frecuente nos animais criados en cortes escuras [233] e mal alimentados.

---

[230] Llópiz: *fervedo* (sic); explica que *dadas* son os tumores pequenos que se forman nos pezóns das mulleres lactantes e tamén nos tetos das vacas, de xeito que o remedio se utiliza tamén con estas, sg. o *Vocabulario de Fraga, Bande*, s.v. *adoar*. Conta que había diferentes ensalmos para aplicar este remedio. Un transmítello F.R. Losada (veterinario):

Dada, sal afora, e deixa ista mama embóra.
Vaites pra fora, dada, fuxe d'ista mama.

Llópiz aínda recolle estoutro:

Asin co-ista brasa n'ista auga foi apagado,
asin ista mala besta e dada sexa coutada.

E explica que *couta-la dada* é cura-lo quebranto físico ou moral pero que máis ben se trata de cura-la dada clásica, sendo a *mala besta* o fogo febril que produce.

[231] Llópiz: *fervedo* [sic], *n'oleo, crara* [sic], cremos que por despiste; di que se utiliza nas dadas das mulleres e das vacas, sg. o Bruxo de Sedes (*Refr. de Ferrol* de Mosquera Leal). Engade varios ensalmos. Un que recolle de Bouza Brey: *Tírolle esta dada con esta ollada e mais esta airada*; e explica que o ensalmador pretendía curar chiscándolle un ollo (*ollada*) á dada e mais soprándolle (*airada*) Tamén estoutro dun curandeiro do Val Miñor (Pontevedra) que se empregaba tanto en medicina humana como veterinaria:

Un home bó me deu pousada,
muller mala fíxome a cama,
con videira, louza e lama,
abáixate, dada.

E finalmente este derradeiro que se usaba en San Andrés de Teixido, en Santa Comba e en San Cibrao (Lugo):

Vaia fóra esta mala invidia,
esta dada onde fór nacida,
que vaia pra embaixo
que[n] mal che quér e che tén invidia,
cá gracia de Dios e da Virxen María.

Carlos Valle (CV1) menciona tamén a *dada* e recolle dous ensalmos para curala. Tal como describe a *dada*: *inflamação dos seios das mulheres ou úbere das vacas*, fainos dubidar se non estará a falar do que nós clasificamos como mamite, máis que dunha papilomatose.

[232] Nos ósos longos distínguense dúas partes: os extremos ou *epífise*, e a parte media ou *diáfise*, separadas por unha zona cartilaxinosa á que se debe o crecemento dos ósos en lonxitude, ata que se osifica co paso dos anos.

[233] Os raios ultravioleta da luz solar son os que transforman a provitamina D que inxerimos cos alimentos en vitamina D que actúa no metabolismo do noso organismo.

Non é frecuente a presentación desta enfermidade illada senón dentro dun cadro de retraso no desenvolvemento provocado case sempre por unha alimentación insuficiente en cantidade e, sobre todo, en calidade, polo que posiblemente moitas das informacións recollidas se aplicarán simplemente a becerros pequenos, cativos, desmedrados (por cría defectuosa, alimentación deficiente, diarreas ou outras enfermidades), máis que a becerros con carencias vitamínicas e desenvolvemento óseo defectuoso, que é o que correspondería realmente a un proceso de raquitismo. Denominacións como *enfermo* e *enfermizo*, recollidas tamén como sinónimos de raquítico, resultan así máis transparentes.

En clínica humana, o raquitismo coñeceuse como *tangaraño/tarangaño* (familia léxica á que pertence *tangarelo*, que aplican na Gudiña ós becerros), que a superstición popular atribúe ó meigallo.

8316 **peco** *s.m.* Retraso no medrío dun animal. Úsase na loc. *cria-lo peco*. Informacións procedentes de Noriega e de Leiras, polo tanto de terras de Mondoñedo, testemuñan que *te-lo peco* significa "ter mal aspecto por causa da mala alimentación ou de enfermidade". O P. Sobreira dicía que lle chamaban *mes do pèco* ó mes de agosto. Pensado dedícalle o artigo "Agosto, el 'mes do peco'" no que di que esta expresión que recolle o P. Sobreira non está en uso actualmente e que hai cousas noutras linguas que axudan a entender esta palabra pero conclúe que: "Lo exclusivo del gallego, frente al resto de las lenguas románicas, es que haya utilizado el 'pèco' para caracterizar el mes de 'agosto', dando a entender que en ese mes es cuando más actúa o 'pèco', y, efectivamente, nos basta recordar el 'agostamiento' de las plantas por efecto del calor, de la 'peste' etc., para comprender que se le llame el 'mes do pèco', aunque, por desgracia, las plantas y los frutos pueden maliciarse en cualquier época del año y por más causas que las del exceso de calor. Y así como las plantas a las que 'lle deu o peco' se quedan raquíticas y sus frutos no alcanzan la debida sazón, así también hay personas, o miembros de una persona ('as mans pecas') en las cuales su desenvolvimiento mental, o físico, se detiene anticipadamente, y se quedan retrasadas, 'pecas', 'parvas' o 'bobas', sentidos usados en la 'Eufrosina' (1581) de J. Ferreira de Vasconcellos" (JLPT3:227). (JLPT3, Piquín).

8317 **requitismo** *s.m.* Enfermidade carencial propia dos becerros e caracterizada polo retraso do desenvolvemento. (Verdu).

8318 **ameicado** *adx.* Ver APECADO /8319. (Made).

8319 **apecado** *adx.* [Becerro] raquítico. Ver CRIA-LO PECO /8346. (Ced., Piquín, Piquín2).

8320 **arriguicho** *adx.* [Becerro] raquítico. (Chan).

8321 **arriquetado** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Bolo, Peno.).

8322 **arriquitao** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Melias, Vill-O).

8323 **enfermizo** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Cervá1, Cervá2).

8324 **enfermo 1** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Cam4).

8325 **enrechado** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Cab.).

8326 **enrichado** *adx.* Ver ENRECHADO /8325. (Caa).

8327 **enriquitado** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Caa).

8328 **feminino** *adx.* [Animal, froito] raquítico, pouco desenvolvido. (LP).

8329 **murriallo** *adx.* [Animal] raquítico ou consumido por algunha enfermidade. Tamén se aplica a persoas. (Piquín).

8330 **raqueno** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Ben.).

8331 **raquite** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Mira.).

8332 **raquítico** *adx.* [Becerro] retrasado, cativeiro, que non medra. (Anseán, Baña2, Bar-Co., Barre., Borre., Cang2, Carbal., CarbCo., Corb., Corre., Couso, Cubi2, Cunt2, Dis., Dúas, ERG, Frei., Gaxate, Gro1, Gud., Macei., Mon., Mosen., Pade., Pal., PCal2, Penela, Ram., Randu., Rib-S, Sisán, Sisto, Vcova., Veste., Vnova2, Xeve, Xun.).

8333 **ratera** *adx.* [Vaca] raquítica ou simplemente máis pequena do normal. (San.).

8334 **renteno** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Ribe1).

8335 **requítico** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Antas3, Bas., Com1, Culle., Cur., Eixo, Gro1, Gud., Laiosa, Lampón, Leir-A, Lucí, Negr2, Neves2, Noal, Oliv., Sofán, Tabor., Teo, Vtose).

8336 **requitoso** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Burón).

8337 **riquete** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Arroxo, Estr4, Mour1, Peroxa, Razo, Suarna).

8338 **riquite** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (MCouso).

8339 **riquítico** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Abadín, Aranga, Carr-C, Cast., Com1, Conxo, Cur., Figue1, Grixó, Gro1, Lagar., Lago, Laxe, Medín, Neda, Noal, Parga, Samos3, Vrei.).

8340 **riquitoso** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Xudán1).

8341 **tangarelo** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Carr-G).

8342 **tenzó** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Fol-C).

8343 **tísico** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Vmaior).

8344 **tuirzallo** *adx.* Ver RAQUÍTICO /8332. (Alence).

8345 **con meighallo** *loc. adx.* [Becerro] raquítico. A nosa fonte escribe *meijallo*. (Medín).

8346 **cria-lo peco** *loc. v.* Non medrar [un animal]. Ver PECO /8316. (Piquín).

8.5.15. Retículo-pericardite traumática

Trátase dun accidente causado pola inxestión dun obxecto metálico aguzado (unha agulla, un cravo, un arame) que vai mesturado coa herba ou coa forraxe e que queda preso nos pregos do retículo [234] cravándose e perforando, primeiro, as súas paredes; despois, o diafragma; e alcanzando finalmente o pericardio [235]. Alcanzado este órgano provoca unha forte pericardite e un cadro clínico de moita gravidade, cunha sintomatoloxía patente e alarmante: alteración ou cese da remoeira, manifestacións dolorosas na marcha e unha inchazón edematosa característica no peito e na base do pescozo, cunha típica postura coas patas abertas e a cabeza estendida, para reduci-lo dolor dos movementos respiratorios e aumentar simultaneamente o volume respiratorio. Non ten tratamento ningún e obriga a sacrifica-la vaca canto antes para intentar aproveita-la súa carne.

8347 **ter unha punta na calleira** *loc. v.* Ver TER UNHA PUNTA NO CALLEIRO /8348. (Cam1).

8348 **ter unha punta no calleiro** *loc. v.* Ter [unha vaca] un corpo estraño, normalmente un cravo ou un arame, no retículo. A denominación de *calleiro* é globalizadora para o conxunto dos preestómagos. (Común).

8.5.16. Tumor palpebral

Nome xenérico que engloba diversas malformacións tumorais nas pálpebras, normalmente carcinomas e sarcomas. Adoitan ser de carácter benigno.

8349 **ter un uñeiro** *loc. v.* Ter [unha vaca] un tumor nunha pálpebra dun ollo. Lémbrese que tamén se denominan *uñeiros* as infeccións nos bordos das uñas, ou *colledizos*, polo que, se cadra, o noso informante estaba designando unha infección na pálpebra e non, realmente, un tumor palpebral. (Borbén).

8.6. Patoloxía cirúrxica

Neste capítulo recollerémo-las enfermidades e accidentes traumáticos que se tratan mediante técnicas cirúrxicas. Esta rama da medicina tamén contempla o estudo macroscópico ou microscópico dos tecidos e órganos extirpados mediante unha intervención cirúrxica (como tal, nunha biopsia), co obxectivo de establecer un diagnóstico máis preciso e decidir unha terapia.

8.6.1. Accidentes

8350 **atavantar** *v.* Perde-lo equilibrio un animal. A nosa fonte define como "Irse hacia delante alguna persona o animal, perdiendo el equilibrio". *Cando* [...] *'atavantando' ou escorando cara adiante polo esforzo...* (LG:26.04.1998). (LG, Piquín).

8351 **avantar** *v.* Ver ATAVANTAR /8350. (Piquín).

8352 **esfuciñar** *v.* Caer de fociños [unha vaca] cando baixa unha costa e o xugo dobra sobre ela. Para evitalo, póñenlle o pioguín. (Cam1).

8353 **esmalloarse** *v.* Caer [un animal] por un terraplén, precipicio, barranco etc. (Hermi.).

Cando cai a vaca, afilai os coitelos. (VLLM:1,137) [236]
Cando cai a vaca, amola-los coitelos. (VLLM:1,137) [237]

[234] Na epígrafe 5.2.5.2 do capítulo 5. *Anatomía* descríbese a estrutura e situación desta víscera.

[235] Non debe estrañar a ninguén esta viaxe: a distancia normal entre o retículo e o pericardio non é maior de 2-4 cm.

[236] Llópiz di que é da fala dos *Vaqueiros de alzada* (sic); explica que o refrán alude á frecuencia con que as vacas se precipitan pola empinada xeografía galaico-astur; e, antes de que a res se perda totalmente ou a rouben, os Vaqueiros ou pastores acoden a aproveitala, matándoa se está malferida. Engade Llópiz que se aplica figuradamente a que cómpre tomar medidas en tempo cando se venta unha ocasión favorable.

[237] Llópiz recólleo de Urbano Santana, na revista *Nós*.

8.6.2. Feridas

Presentamos a continuación as voces que designan todo o referente ó proceso completo dunha ferida, dende o momento en que se produce ata a súa cicatrización. Neste elenco incluímos un grupo de voces que nos arquivos do ILG responden á pregunta *Supura-los cascos dunha vaca*, pero que nós entendemos que designan un ámbito maior, é dicir, que se aplican de feito á supuración de calquera outra ferida en calquera outra parte do corpo.

No caso de rotura de cornos, ou nas feridas pequenas, adoitan poñer unhas teas de araña [238] (JRL, EBI, ERG, Loures.). Búscase así unha acción mecánica que favorece a coagulación do sangue. É certo que se favorece a coagulación do sangue e que se corta a hemorraxia, pero o perigo está en provocar unha infección na ferida a partir do po que sempre levan esas arañeiras.

En Benquerencia cortan as hemorraxias taponando a ferida con bólas de bosta, remedio que tamén se emprega na xente (Ben.). Na illa de Ons, Castroviejo recolle o emprego de teas de araña ou de bosta fresca de vaca para cura-las queimaduras da xente (Ons:626). O mesmo fan en Reboredo-Sarria (Sete-S). En Castrelo (Cambados) utilizan infusión de follas novas de eucalipto ou de herba ruda (*Ruta graveolens* e *R. chalepensis*) para cura-las feridas, no gando e na xente [239].



Feridas nos tetos.

[238] Este recurso da medicina tradicional quedou deste xeito recollido na literatura popular: *Indo pra Esclavitú/ levéi unha cotelada,/ toda a xente me decía:/ "Bótalle tela de araña"* (VLQ2:379).
Tamén o recolleron médicos e lexicógrafos:
Es todavía hoy procedimiento muy usado en nuestros aldeanos cohibir las hemorragias acudiendo a la tela de araña, que allí son, por desgracia, demasiado abundantes. Para ello superponen sobre la herida varias capas de tela de araña, favoreciendo así, con este sucio apósito, la coagulación de la sangre y la detención de la hemorragia (JRL:142).
Otros peculiares procedimientos como "a tea de araña" son sumamente conocidos e incluso tienen una fundamentación científica... Igualmente, sobre la "tea de araña", procedimiento ampliamente conocido y citado por los autores gallegos de medicina popular, tiene una fundamentación científica, espuesta así por Seijo: "Entre los carpinteros son conocidas las propiedades de la tela de araña para atajar una hemorragia por corte con herramienta de trabajo. Inmediatamente de haber sufrido el daño, se busca una telaraña -que en los talleres abundan-, y se enrosca alrededor de la herida. Hay una base científica en esta cura: la tela de araña contiene fibrina, factor coagulante" (EBI: 293-294).
Muchos de nuestros aldeanos tienen todavía la mala costumbre de cohibir las hemorragias con la tela de araña, de la cual superponen varias capas sobre la herida, favoreciendo con este sucio apósito la coagulación de la sangre (ERG:araña).

[239] Na bibliografía consultada sobre herbas medicinais non atopamos nada que explique esta utilización da ruda nas feridas senón que se usa principalmente como abortivo (activa as fibras musculares do útero e a conxestión dos órganos pelvianos). Agora ben, Font Quer recolle entre as virtudes desta planta a de cortar certas hemoptises e, en xeral, a capacidade de previr calquera hemorraxia por rotura de capilares (FQ:427), do que non se debe desprender que sexa eficaz para couta-las hemorraxias nas feridas.

8354 **acolleita** *s.f.* Ver INFECCIÓN /8367. (Mel1, Sob).
8355 **afeución** *s.f.* Ver INFECCIÓN /8367. (Com1).
8356 **alifás** *s.m.* Ferida dunha vaca por rozarse. *Esa vaca leva aí un alifás que dá pena*. (Cunt3, Mora5).
8357 **apañada** *s.f.* Inflamación purulenta. (Xun2).
8358 **apañadela** *s.f.* Ver APAÑADA /8357. Esta forma é un diminutivo lexicalizado de *apañada*. (Xun2).
8359 **aughaxada** *s.f.* Exsudación seropurulenta que deita unha ferida infectada. A nosa fonte escribe *aujaxada*. (Lago).
8360 **colledura 1** *s.f.* Ferida infectada. Gro1 escribe *coyedura*. (Gro1, Ribe2).
8361 **felecha** *s.f.* Ferida pequena. (San.).
8362 **ferida** *s.f.* Incisión na pel producida por un obxecto cortante ou por un traumatismo. (Común).
8363 **firida** *s.f.* Ver FERIDA /8362. (ERG, Feás-A, Mra., Pantón, Porto).
8364 **frida 1** *s.f.* Ver FERIDA /8362. (Cast., Cod., Com1, Couce., CP, Cur., ERG, Grixó, Lous., Mel1, Nove., Oirós, Porto, Razo, San., SComba, Sob., XNV).
8365 **frousada** *s.f.* Ferida cortante. (Pantón).
8366 **gafadura** *s.f.* Ferida infectada. (Feás-A).
8367 **infección** *s.f.* Entrada e desenvolvemento de xermes patóxenos no organismo. (DRAG2,XER).
8367b **infeción** *s.f.* Ver INFECCIÓN /8367. (Com1, Dum., Goián, Gro1, Gud., Laxe).
8368 **infetación** *s.f.* Ver INFECCIÓN /8367. (Cur., Fri.).
8369 **infeución** *s.f.* Ver INFECCIÓN /8367. Gro1 indica que esta forma só a utilizan os vellos. (Gro1, Vil., Xun.).
8370 **inzamento** *s.m.* Ver INFECCIÓN /8367. (CP).
8371 **inzo 1** *s.m.* Ver INFECCIÓN /8367. (CP).
8372 **mación** *s.f.* Ver MATERIA /8373. Úsase nas locucións *botarlle mación* e *ter mación* e posiblemente sexa un deverbal de *madurar*. (Burela1, Negra.).
8373 **materia** *s.f. Ú. t. en pl.* Brume, secreción de restos celulares e outros exsudados que botan as feridas infectadas. O noso informante en Cores diferencia entre *materia* (líquido seroso antes de rebentar) e *peste* (brume, secreción purulenta despois de rebenta-la ferida). Úsase en pl. nas locucións *botar materias*, *saca-las materias* e *ter materias* (Alence, Alla2, Carbal., Carr-G, Chan., Damil, Figue1, Pedro., Piñe., PSil, Rábade, Santi., Veste). (Común).
8374 **mecha** *s.f.* Corte, ferida profunda en calquera parte do corpo. (Xun2).
8375 **peste 4** *s.f.* Ver PUS /8379. Ver tamén nota a MATERIA /8373. (Cores, Razo).
8376 **pezoña** *s.f.* Ver INFECCIÓN /8367. (Ped1).
8377 **postema** *s.f.* Ver PUS /8379. (Chan., Oirós, Toba, Vil.).
8378 **postemada** *s.f.* Acumulación de brume nunha ferida ou chaga. (ERG).
8379 **pus** *s.m.* Secreción de restos celulares e outros exsudados que botan as feridas infectadas. (Aranga, Bolo, Buga-N, Car2, Cer., Codeso., Com1, Crendes, Cruído, Culle., Cunt2, Dum., Fara., Figue2, FolLE, Fózara, Goián, Gro1, Gud., Lampón, Morga., Negr2, Peno., Rama., Rib-S, SComba, Teo, Vcova).
8380 **úsara** *s.f.* Ver PUS /8379. (ERG).
8381 **veneno** *s.m.* Ver PUS /8379. (Sisán, Zamáns).
8382 **viriño** *s.m.* Ver BRUME 1 /8385. (Xun2).
8383 **vriñeiro** *s.m.* Infección purulenta. (Xun2).
8384 **vriño** *s.m.* Ver BRUME 1 /8385. (LimiaB, PSeca, Xun2).
8385 **brume 1** *s.m.* Materia purulenta das chagas. (Com1, Ctel2, ERG, Nove., San.).
8386 **burme** *s.m.* Ver BRUME 1 /8385. (Bas., Couce., Oroso1).
8387 **burme** *s.m.* Ver BRUME 1 /8385. (Bas., Couce., Oroso1).
8387 **burmo** *s.m.* Ver BRUME 1 /8385. Eladio Rodríguez, que neste caso o escribe con uve, recólleo de Carré Alvarellos. No Diccionario de dicionarios pódese comprobar que tamén o escriben con uve Filgueira, Ibáñez e Franco Grande (ERG).
8388 **alobado 1** *adx.* [Animal] adentellado polo lobo. Rivas Quintas recolle o nome de *alobado* para designa-lo carbuncho no gando lanar, e de feito unha vía de transmisión é a infección das feridas que sofren os animais, neste caso pola trabada dos lobos. (Piquín).
8389 **collido** *adx.* Infectado. Gro1 escribe *coyido*, e Ribad.: *estar collida unha ferida*. (Gro1, Ribad).
8390 **postemeira** *adx.* [Ferida ou chaga] que supura materia. (ERG).
8391 **aborrecerse** *v.* Infectarse [unha ferida]. (Ces., Com1, ERG, Feás-A, Gui., Mel1, Mon., San., Sob).
8392 **aborrescerse** *v.* Ver ABORRECERSE /8391. (ERG).
8393 **aborrirse** *v.* Ver ABORRECERSE /8391. (ERG).
8394 **abrir 2** *v.* Deitar brume [unha ferida]. (Gaxate).
8395 **abullar** *v.* Supurarlle [os cascos a unha vaca]. (Baltar, Bidu., Boi., Cab., Calo, Com1, Cur1, Dis., Dúas, Enxames, Estr3, Estr4, Feás-A, Gui., Laxosa, Mon., Pade., Penela, Sabu3, VFrore., Vi-Val).
8396 **aburrirse** *v.* Ver ABORRECERSE /8391. (ERG).
8397 **acoller** *v.* Ver COLLER 5 /8407. (Carde., Com1, Mon., Nove., Sob).
8398 **agurgullar** *v.* Deitar brume [unha ferida]. (Callo).
8399 **amainar** *v.* Ver MAINAR /8418. (Razo).
8400 **apañar 1** *v.* Inflamarse, formar brume [un membro ferido]. (Ribó, Xun2).
8401 **asañar** *v. Ú. t. c. prnl.* Agravarse, infectarse [unha ferida]. (Caa., Cab., Ced., ERG, Vala).
8402 **aviñar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver AVRIÑAR /8403. (Xun2).
8403 **avriñar** *v.* Deitar brume [unha ferida ou parte golpeada]. A nosa fonte escribe *abriñar*. (Piñei2).
8404 **bostemar** *v.* Deitar brume [unha ferida]. (Piñor).
8405 **botar 3** *v.* Ver DEITAR /8408. (Lous., Parga).
8406 **bullar 2** *v.* Ver ABULLAR /8395. (Samos3).
8407 **coller 5** *v. Ú. t. c. prnl.* Infectarse [unha ferida] e, como consecuencia, deitar brume. *A ferida está collendo* (ERQ2). Com1, Gro1 e Marín recólleno como pronominal. Gro1 escribe

coyer; Noal, *collerlle as uñas á vaca*; Ribad., *estar collida unha ferida*. (Casal., ERQ2, Gro1, Noal, Rama., Ribad., Saiar, Vxoán).

8408 **deitar** *v.* Supurar [unha ferida]. Algunhas das nosas fontes aplícano especificamente a unha ferida nos cascos da vaca: *deitarlle os cascos* (Carb3, Lendo, Noice.) ou *deitarlle o pé* (Pravio). Covas recolle *estar deitando*. (Abe., Caa., Cab., Cam4, Carb3, Carbal., Carño2, Com1, Covas, Cruído, Cur., Dum., ERG, Figue1, Grixoa, Leir-A, Lendo, Lestón, MCouso, Medín, Noice, Pravio, Sisto, Sob., TapiaC., Verdu).

8409 **encornarse 1** *v.* Ferirse mutuamente [un animal a outro] cos cornos. (ERG).

8410 **gravear** *v.* Infectarse [unha ferida]. (Goián).

8411 **infectarse 1** *v.* Contaminarse [unha ferida] con xermes ou bacterias. (XER).

8412 **infestarse 1** *v.* Ver INFECTARSE 1 /8411. (Com1, Cur., Gro1, Incio, Ped1, Per).

8413 **infetarse** *v.* Ver INFECTARSE 1 /8411. (Com1, Dum., Gud., SComba).

8414 **infeucionarse** *v.* Ver INFECTARSE 1 /8411. (Ram.).

8415 **infeutarse** *v.* Ver INFECTARSE 1 /8411. (Mra., Xun.).

8416 **lancear** *v.* Infectarse [unha ferida]. (Gro1).

8417 **madurar** *v.* Deitar brume [unha ferida]. (Val-LE).

8418 **mainar** *v.* Infectarse [unha ferida]. (Toba).

8419 **meinar** *v.* Ver MAINAR /8418. (Com1, San.).

8420 **melingrar** *v.* Infectarse [unha ferida]. (Gud.).

8421 **pingar** *v.* Deitar brume [unha ferida]. (CTui).

8422 **sepurar** *v.* Ver SUPURAR /8425. (Burgo, Frei., Oirán).

8423 **solapar** *v.* Deitar brume [unha ferida]. (Nove2).

8424 **soporar** *v.* Ver SUPURAR /8425. (Cur.).

8425 **supurar** *v.* Botar materia ou brume [unha ferida]. (Anca, Anseán, Arroxo, Ben., Buga-A, CarbCo., Ced., Chan., Com1, Consta., Eixo, ERG, Lagar., Negral, Rib-E, Taboa., Vala., Verdía, Vill-O, Viso1, Viso2, Vixoán., Xeve, Xudán1).

8426 **veriñar** *v.* Ver AVRIÑAR /8403. (Ribó).

8427 **bormar** *v.* Ver BURMAR /8428. (Baíñas).

8428 **burmar** *v.* Deitar brume [unha ferida]. (Morai.).

8429 **burmullar** *v.* Ver BURMAR /8428. (Bas).

8430 **botar aughaxada** *loc. v.* Deitar serosidade [unha ferida]. A nosa fonte escribe *botar aujaxada*. (Lago).

8431 **botar fóra 2** *loc. v.* Ver BOTAR MATERIA 1 /8433. *Mentras non che bote todo fóra, non estarás ben*. (Gro1).

8432 **botar mación** *loc. v.* Ver BOTAR MATERIA 1 /8433. A nosa fonte escribe *botarlle mación* (unha ferida á vaca, supoñemos nós). (Negra.).

8433 **botar materia 1** *loc. v.* Deitar brume [unha ferida]. (Común).

8434 **botar materias** *loc. v.* Ver BOTAR MATERIA 1 /8433. (Carbal., Carr-G, Chan., PSil, Rábade, Santi., Veste).

8435 **botar postema** *loc. v.* Ver BOTAR MATERIA 1 /8433. (Chan).

8436 **botar pus** *loc. v.* Ver BOTAR MATERIA 1 /8433. (Aranga, Bolo, Car2, Cer., Codeso., Crendes, Cruído, Culle., Cunt2, Fara., Figue2, Lampón, Negr2, Peno., Vcova).

8437 **botar veneno** *loc. v.* Ver BOTAR MATERIA 1 /8433. (Sisán, Zamáns).

8438 **botar vriño** *loc. v.* Ver BOTAR MATERIA 1 /8433. A nosa fonte escribe *botar briño*. (PSeca).

8439 **botar burme** *loc. v.* Ver BOTAR MATERIA 1 /8433. (Bas., Couce., Oroso1).

8440 **coller pus** *loc. v.* Ter brume [unha ferida]. (Teo).

8441 **criar pus** *loc. v.* Ter brume [unha ferida]. (Morga).

8442 **deitar pus** *loc. v.* Ver DEITAR /8408. (Buga-N, Fózara).

8443 **manar pus** *loc. v.* Ver DEITAR /8408. (Fol-LE).

8444 **saca-las materias** *loc. v.* Ver BOTAR MATERIA 1 /8433. (Alence, Piñe.).

8445 **soltar materia** *loc. v.* Ver BOTAR MATERIA 1 /8433. (Lava.).

8446 **ter mación** *loc. v.* Ver TER PUS /8448. (Burela1).

8447 **ter materias** *loc. v.* Ver TER PUS /8448. (Figue1, Pedro.).

8448 **ter pus** *loc. v.* Segregar restos celulares e outras secrecións [as feridas infectadas]. Rib-S aplícao especificamente a unha ferida nos cascos da vaca (*ter pus nos cascos*). (Codeso., Rama., Rib-S).

8.6.2.1. Cicatrización

Proceso de neoformación dun tecido conxuntivo especial (fibroso) que repara os tecidos destruídos por unha ferida. Diferénciase unha cicatrización *por primeira intención*, cando os labios da ferida confrontan ben e só queda a liña de tecido cicatrizal; e *por segunda intención*, cando hai infección, retraemento muscular e perda de substancia, o que se acompaña normalmente por unha deformación da superficie da pel e mesmo unha perda de funcionalidade da parte ou órgano afectados.

8449 **cicatrís** *s.f.* Ver CICATRIZ 1 /8450. (ERG, MVN).

8450 **cicatriz 1** *s.m.* Sinal que queda na pel ó pecharse as feridas, formado por un tecido conxuntivo especial. (ERG).

8451 **curadeira** *adx.* [Ferida] que comeza a cicatrizar. (ERG).

8452 **carnar** *v.* Cicatrizar [unha ferida]. (ERG).

8453 **cerrarse 2** *v.* Cicatrizar [unha ferida ou chaga]. (ERG).

8454 **cicatrizar** *v. Ú. t. c. prnl.* Pecharse e curar [unha ferida]. (ERG).

8455 **encoirar** *v. Ú. t. c. prnl.* Cicatrizar [unha ferida], criar *coiro*. (ERG).

8456 **encoirecer** *v.* Ver ENCOIRAR /8455. (ERG).

8457 **sollar** *v.* Soldarse, unirse [os beizos dunha ferida]. (Arma1).

8458 **ter boa/mala carnación** *loc. v.* Ver TER BOA/MALA ENCARNADURA /8460. *Ten boa carnación e logo lle cura a ferida*. (Xun2).

8459 **ter boa/mala carnadura** *loc. v.* Ver TER BOA/MALA ENCARNADURA /8460. (ERG).

8460 **ter boa/mala encarnadura** *loc. v.* Cicatrizar ben ou mal [unha ferida]. Dise que ten *boa* ou *mala encarnadura* segundo vaia a curación da ferida. (ERG).

8.6.2.2. Feridas no pezuño

Incluímos aquí calquera clase de ferida que unha vaca poida sufrir nos pezuños, sexa cal sexa a causa que a provoque. Normalmente, a causa será un cravo ou outro obxecto punzante que o animal pise [240], pero poden ter moitas outras orixes, como tal os cravos das ferraduras mal colocados ou a rella do arado. Tamén os golpes no pezuño (*zapatazos, trilladuras*) poden rematar abrindo e convertíndose en feridas abertas.

En calquera caso, o primeiro que hai que facer é proceder a unha limpeza profunda da ferida. En amarrando ben a vaca, sacan a ferradura, se a ten, lávanlle ben o pezuño ata *percibi-lo mal* e cunha navalla furan na ferida ata faceren sangue. Despois botan nela algún destes produtos:

- En Vilaboa-Valdoviño (Vi-Val.) bótanlle nos días seguintes por riba da uña pingo de porco, advertindo que non pode ser de porca.
- Graxa fervendo (TapiaC).
- Manteiga derretida no lume, moi quente (VLQ:310, XTC3:44 [241]).
- Aceite quente a ferver (Tabor) e despois deixan a vaca na corte varios días cun saco atado na pata (Gro2).
- Aceite fervido con allo (Cam1).
- *Pochada* de salmoira e farelos, cando se ferían pola planta do pezuño (Carr-G3).

Ou ben lavan a ferida con vinagre e romeu (Viso1) ou vinagre e sulfato (Sabu2).

Tamén se utilizan outro tipo de produtos máis ou menos comerciais:

- Augaforte rebaixada [242] (Baíñas). En Culleredo tamén lle queiman a ferida cun ferro quente, pero disque é mellor coa augaforte (Culle.).
- Augarrás [243] (Suevos).
- *Cardenillo* (Cerd2) [244]
- Xofre ou sulfato (Oroso2).
- *Zotal* (Estr3). O *Zotal* é un desinfectante comercial que se usa para desinfecta-los locais de gando e diverso material gandeiro, pero está contraindicado para as feridas.

En Caaveiro (Caa.) o tratamento completo é o seguinte: primeiro lávase ben o pezuño e ráscase cun cepillo forte. Despois cobren o pezuño con pingo de porco sen sal e arriman un tizón aceso que provoca que a graxa se derreta e penetre na ferida, desinfectándoa.

Probablemente, con estas operacións, por brutais que sexan, perseguen un triple efecto terapéutico: en primeiro lugar, ó rascaren a ferida coa navalla, fan unha limpeza a fondo aínda que groseira, eliminando a sucidade que puidera haber nela, extirpando ademais o tecido necrosado que sempre hai de abondo nestas feridas tórpidas. En segundo lugar, o aceite ou a manteiga quentes provocan unha vasodilatación da zona afectada e, como consecuencia, aumentan a chegada de sangue e dos elementos defensivos contra as infeccións que se atopan nel, acelerando a curación da ferida. E isto fano cun produto que, por fervelo, quedou esterilizado. Ademais a acción da calor é analxésica: aumenta o grao de hidratación e a elasticidade dos tecidos, diminuíndo deste xeito a dor. E en terceiro lugar, ó se solidifica-la manteiga, conseguen tapona-la ferida, evitando así as infeccións posteriores.

O allo e mailo romeu non parece que teñan máis papel có toque máxico do remedio, pero non esquezámo-las numerosas e variadas propiedades medicinais atribuídas ós dous.

---

[240] E así, a causa pasou a designa-la propia ferida, co nome de *clavo halladizo* que lle daban os antigos albéitares a toda ferida punzante na zona plantar. Esta lesión era cousa frecuente hai anos, polos cravos que perdían nos camiños as lamias das rodas dos carros ou polas chatolas dos zocos.

[241] Lis Quibén localiza esta información en Verín e Chivite en Monterrei.

[242] A augaforte é ácido nítrico diluído en auga.

[243] Esencia de trementina.

[244] O *cardenillo* é esa concreción verdosa ou azulenta, popularmente coñecida como *verdín*, que se forma sobre os obxectos de cobre ou as súas aliaxes, constituída por carbonato de cobre.

8461 **abelleira 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ferida infectada no casco da vaca. Grixoa escribe *avelleira*. Pero no cuestionario do ILG vemos *abelleiras* significando "supura-los pezuños da vaca" en Poulo e Vviño.; e en Com1 *abellón* significa "ferida no pezuño". Entendemos, polo tanto, que esta *avelleira* é da mesma familia. Coidamos, ademais, que aquí debe de haber unha certa relación con *abillar*, acción de perforar un bocoi para que saia o viño e supoñemos que estamos ante unha denominación metafórica na que a ferida, en canto incisión, frecuentemente infectada, provoca que o corpo deite materia. Por todo iso, escribímolo con be e clasificámolo con aquelas voces. (Grixoa, Poulo, Vviño).

8462 **abellón** *s.m.* Ferida no pezuño do gando. (Com1).

8463 **babarro** *s.m.* Ver GABARRO /8482. (Carbal).

8464 **brucha** *s.f.* Ferida no casco da vaca. ¿Pode ser erro por *brecha*? (Pre.).

8465 **calcañazo** *s.m.* Ferida no casco da vaca. (Fol-LE).

8466 **coca 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ferida infectada nas patas dos animais. Lémbrese que tamén se chaman *cocos* e *cocas* os vermes que se crían na carne ou peixe en putrefacción, nas froitas etc., así como certas lombrigas intestinais (as ascárides). (CGG2: *Cocos e cocas*, 756).

8467 **coco** *s.m.* Ver COCA 1 /8466. (CGG2).

8468 **collidizo** *s.m.* Ver COLLIZO /8469. (Frei.).

8469 **collizo** *s.m.* Ferida no casco da vaca. (Viso1).

8470 **cortada 1** *s.f.* Ferida no casco da vaca. A nosa fonte non sinala se é substantivo ou adxectivo; supoñemos que é subst. aínda que non podemos excluír que se trate dunha *(pata) ferida (dunha vaca)*. (Alence, Damil, Mon).

8471 **cortadura** *s.f.* Ferida no casco da vaca. (Parga).

8472 **corte 2** *s.m.* Ferida no casco da vaca. A vogal tónica neste caso é aberta. (Noal).

8473 **cullerada** *s.f.* Ferida no casco da vaca. (Carr-G).

8474 **chuzada** *s.f.* Ver CORTADA 1 /8470. (Grixoa).

8475 **encetadura** *s.f.* Ferida no casco da vaca. (Vill-O).

8476 **enrelladura** *s.f.* Ferida que fai o boi no pezuño coa rella cando está arando. Isto corresponde á *enrejadura* que VGR recolleu no Bierzo. (Xun2).

8477 **escarza** *s.f.* Ferida no casco da vaca. (Xun.).

8478 **escocedura** *s.f.* Ferida no casco da vaca. (Val-LE).

8479 **esgalladura** *s.f.* Ferida no casco da vaca. (Cubi2, Negral).

8480 **espíritu** *s.m.* Remedio para cura-lo mal do *gabarro* nas vacas. O informante non explica en qué consiste o tratamento pero di que se mercaba nas boticas. (Pentes1).

8481 **fasmón** *s.m.* Ferida infectada no casco da vaca. (Macei.).

8482 **gabarro** *s.m.* Ferida infectada no casco da vaca. O noso informante en Parade. explica que se trata dunha infección con supuración nos pezuños do gando causada, disque, polos cravos das ferraduras ou *canelos*. Gud5 só nos di "Enfermidade das vacas nos cascos". (Barre., Ben., Chan., Gud5, Gui., Laiosa, Parade., Pentes1, Xudán1).

8483 **gallada 1** *s.f.* Ver ESGALLADURA /8479. (Veste).

8484 **gañotazo** *s.m.* Ferida no casco da vaca. (SComba).

8485 **gaspitadura** *s.f.* Ferida no casco da vaca. (Com1).

8486 **gazpetadura** *s.f.* Ver GASPITADURA /8485. (Rábade).

8487 **ghabarro** *s.m.* Ver GABARRO /8482. A nosa fonte escribe *jabarro*. O noso informante en Fuxás define *ghabarro* como "enfermidade que carcome a pezuña do gando" (o que para nós sería unha necrobacilose). Por coherencia con voces similares recollidas noutras fontes (*gabarro*, *ghabarro*), dámoslle o valor de "ferida na pezuña do gando". (Alla2, Fuxás, Guil2, Medín, Santi.).

8488 **ghaspitadura** *s.f.* Ver GASPITADURA /8485. A nosa fonte escribe *jaspitadura*. (Gui.).

8489 **mancadela** *s.f.* Ver MAZADURA /8492. (Fara).

8490 **mancadura** *s.f.* Ver MAZADURA /8492. (Vill-O).

8491 **masadura** *s.f.* Ver MAZADURA /8492. (Baíñas, Lampón, Vcova).

8492 **mazadura** *s.f.* Ferida no casco da vaca. (Oroso1, Vala1).

8493 **mazote** *s.m.* Ferida no casco da vaca. (Dis.).

8494 **molestadura** *s.f.* Ferida no casco da vaca. (Parga).

8495 **pinchazo** *s.m.* Ferida no casco da vaca producida por obxecto punzante. (Fózara).

8496 **pinche** *s.m.* Ver PINCHAZO /8495. (Mon).

8497 **sapataso** *s.m.* Ver ZAPATAZO 1 /8505. (Agro., Buga-N, Carr-C, Covas, Figue1, Figue2, Fuxás, Lucí, Nive., Ortoño, Sisán, Teo, Vtose).

8498 **sedela** *s.f.* A nosa fonte defíneo como ferida no casco da vaca. (Sisto).

8499 **trilladura** *s.f.* Ferida por golpe no pezuño dunha vaca. Xun2 defíneo como rebrandecemento das patas por cousa das pedras dos camiños: *O ghado trae unha trilladura que non se move*. (Abe., Anca, Caa., Cab., Cadrón, Cang2, CReis2, Crendes, Estr3, Fre., Melias, Mra., Negr2, Nove., Oliv., Saiar, Salv3, Sete-L, Vala., Valad1, Valad2, Vcova., Vi-Val., Vxoán., Xun2).

8500 **trillaso** *s.m.* Ver TRILLAZO /8501. (Cruído).

8501 **trillazo** *s.m.* Ver TRILLADURA /8499. (Cer., Incio, Lañas, Laxe, Lendo, Razo, Sofán).

8502 **uñeira 1** *s.f.* Ferida no casco da vaca. (Sabu3).

8503 **brume 2** *s.m.* Absceso de brume que se forma no pezuño dos animais cando se lles crava algo punzante. (San.).

8504 **zapataso** *s.m.* Ver ZAPATAZO 1 /8505. (Buga-A).

8505 **zapatazo 1** *s.m.* Ferida no casco do gando. En Culle. concretan que se debe a un cravo que o ferrador lle puxo mal. (Cab., Com1, Dum., Laxe. ILG:70 (C:42, LU:3, OU:3, PO:22)).

8506 ***enclavadura** *s.f.* Ferida no casco da vaca. (Meira2, Vixoán).
8507 **ferida no casco** *s.comp.f.* Incisión no casco producida por un obxecto cortante ou por un traumatismo. (Carb3, Noice).
8508 **frida do casco** *s.comp.f.* Ver FERIDA NO CASCO /8507. (Anseán, Tabor).
8509 **teto da carne** *s.comp.m.* Vulto que aparece como consecuencia dunha ferida no pezuño. (Santi.).
8510 **collida 4** *adx.* [*Pezuña] cunha ferida infectada. Na Peroxa e Viso1 este adxectivo combina co s. m. *casco*. (Baltar, Peroxa, Viso1).
8511 **culleita** *adx.* Ver COLLIDA 4 /8510. A nosa fonte di *estar culleitos* referido ós cascos; nós referímolo ó subst. f. *pezuña*. (Bar-Co).
8512 **encertado 1** *adx.* Ver COLLIDA 4 /8510. (Viso1).
8513 **enrellada** *adx.* [Vaca] cunha ferida no pezuño causada pola rella do arado. (Cubi2).
8514 **enrillada** *adx.* Ver ENRELLADA /8513. (Piñe.).
8515 **escocida** *adx.* [Vaca] cunha ferida no casco. (MCouso).
8516 **espetada** *adx.* [Vaca] cunha ferida no casco producida por un obxecto punzante. (Codeso., Pedro.).
8517 **ferrada** *adx.* [Vaca] cunha ferida no casco producida por un cravo. O informante non o indica pero adoita aplicarse ás feridas polos cravos das ferraduras. (Baltar).
8518 **infectado 1** *adx.* [Casco dunha vaca] que ten unha ferida que deita brume. (Caban).
8519 **repisada 2** *adx.* [Vaca] cunha ferida no casco. (PSeca).
8520 **trillada 1** *adx.* [Vaca] cunha trilladura. (Car2, Com4).
8521 **trillado** *adx.* [Casco da vaca] cunha ferida. A nosa fonte non o di pero supoñemos que é adxectivo. (Casal.).
8522 **trincada** *adx.* [Vaca] cunha ferida no casco. (Busta).
8523 **esghizada da uña** *loc. adx.* [Vaca] cunha ferida no casco. A nosa fonte escribe *esjizada*. (Vi-Val).
8524 **mancada no casco** *loc. adx.* [Vaca] cunha ferida no casco. (Taboa.).
8525 **enrellarse 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Ferirse [unha vaca] coa rella do arado. *Enrellouseme unha vaca e non teño con qué arar*. (Lan., Lim2, Piquín, Vrei., Xun2).
8526 **entrillar** *v.* Ver TRILLAR 1 /8528. (Tab1).
8527 **poxer** *v.* Deitar brume [unha ferida nos cascos da vaca]. (Rus).
8528 **trillar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Deitar brume [unha ferida no casco da vaca]. En Meir., Razo e Ribe1 é pronominal. (Meir., Melias, Razo, Ribe1, Valad1, Valad2).
8529 ***enclavarse** *v.* Ver COLLER UN *CLAVO /8531. (Gro4).
8530 **botar materia 2** *loc. v.* Supurar [os cascos da vaca]. (Agro., Camba, Cast., Com1, Conxo, Cur., Fuxás, Incio, Lañas, Lucí, Ortoño, Pre., Rendal, Sende., Somo2, Teo).
8531 **coller un *clavo** *loc. v.* Ferirse no casco [unha vaca] cun obxecto punzante. O caso máis frecuente é un cravo perdido no chan dos camiños. (Sabu3).
8532 **deitar dos cascos** *loc. v.* Deitar brume por unha ferida nos cascos. (Dum.).
8533 **te-lo casco furado** *loc. v.* Ter unha ferida no casco [unha vaca] producida por un obxecto punzante. (Rib-S).
8534 **ter un collizo** *loc. v.* Ter unha infección na pata [unha vaca] provocada por unha ferida. (Común).
8535 **ter zapatazo** *loc. v.* Deitar brume unha ferida nos cascos [da vaca]. (Suevos).

8.6.2.3. Reazas

En ocasións ábrense unhas fisuras nos cascos dos pezuños chamadas *razas* ou *reazas*, moito máis frecuentes nas bestas que nos bóvidos [245]. Poden ser máis ou menos profundas e só resultan preocupantes cando chegan á derme ou cando se infectan.

Coidan os nosos gandeiros que se debe a falta de graxa, polo que, en Ramirás, untan os cascos con pingo de porco para que non entre a sucidade (Peno.). En Benquerencia enlían os cascos da vaca nun trapo mollado en graxa do eixe do carro ou con augarrás (Ben.).

8536 **arreaza** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver REAZA /8548. (Suarna).
8537 **fixura** *s.f.* Fenda no casco da vaca. (Bolo, Peno.).
8538 **galladura 2** *s.f.* Fenda no casco da vaca. (Antas3).
8539 **gallazo** *s.m.* Ver GALLADURA 2 /8538. (Barre).
8540 **galletazo** *s.m.* Ver GALLADURA 2 /8538. (Antas3).
8541 **galleto** *s.m.* Ver GALLADURA 2 /8538. (Chan).
8542 **galletón** *s.m.* Ver GALLADURA 2 /8538. (Piñe., Veste).
8543 **gañadura** *s.f.* Ver GALLADURA 2 /8538. (Consta.).
8544 **lagartiña 2** *s.f.* Greta no pezuño da vaca. O noso informante defíneo como "aberturas que se hacen en la parte final de los cascos. Para esta se usa terapéutica casera, se untan los cascos con grasa de cerdo para que no entre suciedad". (Peno.).

[245] Tecnicamente, deberiamos reserva-lo nome de *reazas* ás gretas verticais na parte anterior do casco, recibindo o nome de *cuartos* as que se presentan nos laterais e de, simplemente, *gretas*, as horizontais.

8545 **raza** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver REAZA /8548. (Mez., Ram.).
8546 **reace** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver REAZA /8548. (Val).
8547 **reacia** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver REAZA /8548. (Suarna).
8548 **reaza** *s.f. Ú. m. en pl.* Greta no casco dunha vaca. O noso informante de Benquerencia explica que son "grietas que se producen en los cascos del ganado por las que sale pus. Se cree que se deben a falta de grasa. Para su curación se envuelven los cascos en un trapo mojado con la grasa del eje de los carros o con aguarrás". As reazas non se deben a falta ningunha de graxa, nin no pezuño nin na alimentación do gando. Pero si que sabemos do uso de graxa nos tratamentos contra esta e outras lesións nos cascos, normalmente manteiga ou graxa moi quente e co obxectivo de tapona-la ferida unha vez aberta e, mellor ou peor, desinfectala, evitando así que se contamine coa sucidade do chan e do esterco. (Ben., Burón, Ped., Suarna).
8549 **riaza** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver REAZA /8548. (Nove).
8550 **escarapelar** *v.* Descamarse as capas externas [da uña ou casco dun animal]. "Separarse en capas, por ej. la pezuña de un animal, un fruto etc. *O frío ou algunha enfermedá escarapelóulle o casco á vaca*". (Xun2).

8.6.2.4. Chagas

Denomínase chaga calquera ferida aberta e, normalmente, vella, que se complica con desintegración parcial dos tecidos e perda de substancia, por necrose, con secreción de brume. Denomínase tamén úlcera.

Para curaren as chagas, os gandeiros meten na ferida unha pera chea de *Zotal* rebaixado e fan debaixo un buratiño para que saia por aí a materia (Cam1). O *Zotal* é un desinfectante e como tal actúaría nos abscesos de brume, aínda que en realidade se usa para desinfecta-los locais de gando e diverso material gandeiro e, como dixemos en 8.6.2.2., está contraindicado o seu uso para o tratamento das feridas. Con ese buratiño que fan pretenden abrir unha saída para que drene o absceso.

8551 **cincheira** *s.f.* Chaga que produce o roce das piallas ou cibelas. (Burón, Mra., Ped1, Per., Suarna, Vil.).
8552 **cincheiro 1** *s.m.* Ver CINCHEIRA /8551. (Laxe).
8553 **chaga** *s.f.* Ferida ulcerada que non cicatriza facilmente. (ERG, Gun., Incio, Pantón, Ped1, Per).
8554 **chimbón 1** *s.m.* Chaga supurante que non dá curado. Véxase CHIMBÓN 2 /7247. (Coto., Coto1, Gro1).
8555 **degreta** *s.f.* Chaga. Localízao en Parrocha (Nete, Vilalba), e recólleo de Aníbal Otero. (Nete).
8556 **degreza** *s.f.* Chaga. (Gui.).
8557 **fígoa** *s.f.* Chaga infectada. Ver nota a *Boi con lagartiña, manta queimada na fígoa*. (VLLM).
8558 **laceira** *s.f.* Ferida, chaga. (ERG).
8559 **lamparada** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver LAMPARÓN 1 /8560. (Marín).
8560 **lamparón 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Chaga na pel que supura e non dá curado. Algunhas das nosas fontes traducen como "escrófulas", que son o infarto, aberto ou non, dos ganglios linfáticos cervicais como consecuencia de diversas enfermidades infecciosas crónicas. (Común).
8561 **lastra 1** *s.f.* Chaga. (Com1, Razo, Toba).
8562 **pánxema 2** *s.f.* Absceso, acúmulo purulento encapsulado. (LCA1).
8563 **pánxoma** *s.f.* Ver PÁNXEMA 2 /8562. Vmaior define como "Parte do ventre da vaca inmediata ó ubre" pero supoñemos que pode ser unha definición ocasional e malinterpretada. (Vmaior).
8564 **pánxuma** *s.f.* Ver PÁNXEMA 2 /8562. (ERG, XLFG).
8565 **podrela** *s.f.* Materia que se forma nas chagas. (ERG).
8566 **podrenla** *s.f.* Ver PODRELA /8565. (ERG).
8567 **xaga** *s.f.* Ver CHAGA /8553. (ERG, Ram., Vil.).
8568 ***llaga** *s.f.* Ver CHAGA /8553. (Caa., Com1, Goián, Mon., San.).
8569 **castrar** *v.* Seca-las chagas, formar postela. (ERG).
8570 **chagar** *v.* Facer chaga. (ERG).
8571 **chagarse** *v.* Encherse de chagas ou úlceras. (ERG).
8572 **tramarse** *v.* Gangrenarse [unha ferida]. *Ten a sangue toda tramada. Tramóuseme a sangue aquí*. (Piquín).
8573 ***llagarse** *v.* Ver CHAGARSE /8571. (Com1).
8574 **facer lastra** *loc. v.* Chagar. *Os barbos hainos que cortar sobresaltados (salteados) que, se non, fan lastra*. (Ctel1).

Boi con lagartiña, manta queimada na fígoa. (VLLM:1,155) [246]

[246] Llópiz explica que *lagartiña* ou *lagartola* é o *panadizo* ou inflamación dunha chaga aberta no casco da vaca (*taxoula/texoula*), e *fígoa* é unha chaga enconada. Engade tamén que é remedio dos albéitares e que o recolle en Ferrol do prof. veter. V. Muñiz.

8.6.3. Hernia

As hernias consisten na saída dunha víscera, normalmente abdominal, ou parte dela, a través de aberturas naturais ou por rotura das paredes musculares, situándose a devandita víscera subcutaneamente. As máis frecuentes son as *hernias umbilicais* (saída dunha asa intestinal a través do anel umbilical) e as *inguinais* ou *escrotais* (saída dunha asa intestinal polo anel inguinal ata a bolsa testicular).

En Reboredo-Sarria (Sete-S) utilizan contra as quebraduras os grans de *curuxón*, herba que non podemos identificar [247] pero que o informante describe como "*planta pequeña parecida al lino, de grá menuda. Se comienza esta medicación tomando un grano el primer día, 2 al día siguiente, luego 3, 4, 5, 6,... y asi hasta tomar 9 el día noveno, volviendo a descender uno día a día hasta llegar de nuevo a 1*".

8575 **creba** *s.f.* Ver QUEBRADURA /8581. (Cab., Gui., Razo).
8576 **crebadura** *s.f.* Ver QUEBRADURA /8581. (CP, ERG, Sob).
8577 **esvrilladura** *s.f.* Ver QUEBRADURA /8581. ERG escribe *esbrilladura*. Rivas Quintas recolle *esvrilladura*, con uve, pero na entrada *esbrillón* escríbeo con be, así como *esbrillarse*. (ERG, ERQ2).
8578 **hárnea** *s.f.* Ver HERNIA /8580. (Gui.).
8579 **hérnea** *s.f.* Ver HERNIA /8580. (Dum., Gud., Marín).
8580 **hernia** *s.f.* Evaxinación dunha asa intestinal a través dunha parede muscular. Constantino García (no *Glosario de voces galegas de hoxe*) considera *hernia* (e mais *hárnea* e *hérnea*) como castelanismos por quebradura, e *herniar* (ou *hernear*) por quebrar. Pero no VOLGa a palabra *hernia* non se chata de castelanismo. (Com1, ERG, Goián, Laxe, Per., Porto).
8581 **quebradura** *s.f.* Ver HERNIA /8580. (Burón, Ced., Com1, Ped1, Suarna).
8582 **crebado** *adx.* [Animal] herniado. (Gro1, Pad1).
8583 **esvrillado** *adx.* Herniado, que ten unha hernia inguinal. ERG escribe *esbrillado*. (ERG).
8584 **roturado** *adx.* [Becerro] que ten quebradura no embigo. Aplícase tamén a outras especies domésticas. (Común).
8585 **cobrarse** *v.* Ver QUEBRARSE /8590. (Vil.).
8586 **crebarse** *v.* Ver QUEBRARSE /8590. (Común).
8587 **esvrillarse** *v.* Ver QUEBRARSE /8590. As nosas fontes escriben *esbrillarse*. (ERG, Toba).
8588 **hernear** *v.* Ver HERNIAR /8589. (Dum., Gud.).
8589 **herniar** *v. Ú. t. c. prnl.* Producirse a saída dunha asa intestinal a través da parede muscular ou da abertura do embigo. Supoñemos que, en coherencia coas outras voces similares, esta debe de ter tamén uso pronominal, aínda que as nosas fontes non o din. (Com1, Goián, Laxe, Per., Porto).
8590 **quebrarse** *v.* Ver HERNIAR /8589. (Ced., Com1, ERG, Gud., Mez).
8591 **sentirse** *v.* Ver HERNIAR /8589. (Ctel1, Grixó, Piquín).
8592 **estar rendido** *loc. v.* Ver ESTAR ROTO /8593. (PAre1).
8593 **estar roto** *loc. v.* Ter unha hernia umbilical [un becerro]. (Común).

8.6.4. Luxación de rótula e salto de corda

Incluímos aquí dous procesos de sintomatoloxía moi parecida e que ás veces coinciden, porque son de difícil diferenciación mesmo para o profesional. Referímonos á *luxación do longo vasto* ou *salto de corda*, e á *luxación de rótula*, tamén chamada *cambra* e, ás veces pero impropiamente, *salto de corda*. As denominacións populares de *salto de corda, cordear, cordeeira* e variantes manifestan a idea de que o accidente se debe a unha *corda* (é dicir, un tendón) que sae do seu sitio

A *luxación do longo vasto* ou *salto de corda* consiste na inmobilización do músculo longo vasto, glúteo, bíceps crural ou isquiotibial interno (que recibe todos estes nomes) ó producirse o desgarro da aponeurose do músculo fascia lata e introducirse nese desgarro o trocánter do fémur; este provoca que a pata quede case inmóbil, desprazada en extensión e co músculo formando un avultamento claro por debaixo do trocánter. Nas formas crónicas, durante o avance da pata prodúcese unha contracción intermitente que é o que vulgarmente se denomina *salto de corda*. Outro síntoma característico é que a vaca ó andar despraza a pata afectada cun movemento de semicírculo case sen levantala do chan, dun xeito semellante ó movemento da gadaña.

A *luxación de rótula* consiste nunha relaxación do ligamento tibio-rotuliano externo que provoca un desprazamento da rótula que impide a flexión da perna cara á coxa e dá lugar a unha contracción ou *cambra* da

[247] No *Diccionario de diccionarios* tampouco atopamos nada que nos permita saber que herba pode ser. Só Constantino García recolle *curuxón*, pero co significado de covarde, medoñento. Tamén, co nome de *coruxo/curuxo* temos un peixe plano semellante ó rodaballo, e co nome de *curuxò* unha ave mariña: a pardela pichoneta, *Puffinus puffinus* (Ríos Panisse). A única información que podemos relacionar con estes *grans de curuxón* é observar que no Valadouro se denomina *curuxa* ós bugallos do carballo (*cápsula de color castaño, dura por fuera y llena de polvillo por dentro, de forma casi redonda, en la que se cría la larva de una mosca que nace en las ramas de los robles*), dos que sabemos que posúen propiedades astrinxentes e que se utilizan para tratar úlceras e chagas tórpidas. Pero resulta obvio que a descrición que nos dá Sete-S non se corresponde en nada co carballo nin cos bugallos.

pata, que queda inmóbil, ríxida e estendida cara atrás, co pezuño en flexión. Ás veces, e pouco antes de tocalo pé no chan, a vaca fai unha ou dúas extensións rápidas da pata cara atrás, coma se patease. Se se obriga a vaca a andar, pódese corrixi-la luxación, oíndose un chasquido característico que vai seguido da recuperación da capacidade de flexión da pata, aínda que a dificultade adoita reaparecer ó pouco tempo. Un gandeiro explicábanolo así: *a vaca arrastra a pezuña ó empezar a andar, pero cando quence xa anda ben* (Ctel1).

Námbolos casos, a única solución é a cirúrxica, seccionando o músculo (miotomía do glúteo superficial) ou o ligamento (desmotomía tibio-rotuliana) responsables en cada caso, intervención que só pode efectuar un profesional, de aí que non teñamos ningún remedio popular.

8594 **breca** *s.f.* Ver CAMBRA 1 /8597. (Sofán).

8595 **camba 2** *s.f.* Ver CAMBRA 1 /8597. (Ben.).

8596 **cambia** *s.f.* Ver CAMBRA 1 /8597. (Arroxo, Burón, Suarna).

8597 **cambra 1** *s.f.* Salto de corda: fállalle unha perna á vaca ó andar. *Peghoulle a cambra*. (Anca, Antas3, Arca, Cab., Cre., Ctel1, Cur1, Feás-A, Gud., Mez., Nove., Porto, Ram., Sete-L, Sob., Vala., Vil., Xun., Xun2. ILG: 58 (C:27, LU:12, OU:6, PO:13)).

8598 **cambre** *s.m.* Ver CAMBRA 1 /8597. (ERG).

8599 **cambria** *s.f.* Ver CAMBRA 1 /8597. (Barcia, Estr4, Ped1, Val-LE).

8600 **chambra** *s.f.* Ver CAMBRA 1 /8597. Tendo en conta que co mesmo significado temos *cambra* e derivados, cabe preguntarse se esta palatalización da consoante inicial responderá a algún resto de influxo galo. (Cospe2, Meira2, Samos3).

8601 **maniota 4** *s.f.* Luxación de rótula ou salto de corda. (Camba).

8602 **muleta 2** *s.f.* Luxación de rótula ou salto de corda. (Gun).

8603 **paralís 2** *s.m.* Ver *PARÁLISIS /8612. A nosa fonte escribe *paralis*. (Anca).

8604 **úpito** *s.m.* Ver CAMBRA 1 /8597. (LP).

8605 **xostra 2** *s.f.* Enfermidade que fai que os animais arrastren as patas ó andar. En Xun2 coidan que é unha especie de reuma. (Xun2).

8606 **zambra 1** *s.f.* Ver CAMBRA 1 /8597. (Ced., Cere., Cre., Damil, Fol-C, Mira., Oirán, Vill-O).

8607 ***calambra** *s.f.* Luxación de rótula. Ver CAMBRA 1 /8597. Voz híbrida castelá-galega. *A vaca, cando lle a ela parece, encolle unha pata, érghea coma quen vai pola lameira. É distinto da 'cambra' que é que a vaca, cando sae da corte e aínda está fría, arrastra a pezuña. Faino seguido ata que se quenta e despois deixa de facelo* (Ctel1). (Com1, Ctel1, Guil2, Xun.).

8608 ***calambrado** *s.m.* Ver *CALAMBRA /8607. (Razo).

8609 ***calambre** *s.m.* Ver *CALAMBRA /8607. (Carb3, Noice).

8610 ***calambria** *s.f.* Ver *CALAMBRA /8607. (Com1, Friei.).

8611 ***callambre** *s.m.* Ver *CALAMBRA /8607. (Cur.).

8612 ***parálisis** *s.f.* Luxación de rótula ou salto de corda. A denominación resulta excesiva xa que o salto de corda non chega a producir parálise no animal. (Cam4, Lampón).

8613 **salto da corda** *s.comp.m.* Luxación de rótula. (Común).

8614 **aivada** *adx.* Ver EIVADA 1 /8628. A nosa fonte escribe *aibada*. (Gaxate, Verdu).

8615 **arroumada** *adx.* [Vaca] que ten unha luxación de rótula ou salto de corda. Esta voz e outra que virá logo (*enroumada*) parecen referirse a que a vaca teña reuma. (Carbal).

8616 **cambra 2** *adx.* Ver CAMBRADA /8617. (Caa., Cab., Cal., Com1, Cre., Cur., Feás-A, Incio, Mel1, Vala., Vil.).

8617 **cambrada** *adx.* [Vaca] que ten unha pata paralizada por unha luxación de rótula ou salto de corda. (Arca, Lañas, Medín, Negral, Noal, Pedro., Santi.).

8618 **cambrosa** *adx.* Ver CAMBRADA /8617. (Estr3, Neves2, Vi-Val).

8619 **cordeeira 1** *adx.* [Vaca] que *cordea*, é dicir, que padece un salto de corda. (Cerd2, Coto., Peroxa, Somo1).

8620 **cordeira** *adx.* Ver CORDEEIRA 1 /8619. (Cam1, Ctel1, Saln., TMon1).

8621 **cordieira 1** *adx.* Ver CORDEEIRA 1 /8619. O noso informante de San. defíneo como *vaca que anda de fóra a dentro*. (Com1, Com4, Ortoño, Razo, San., SComba).

8622 **cordilleira** *adx.* Ver CORDEEIRA 1 /8619. (Par1).

8623 **coxa 3** *adx.* [Vaca] que ten unha luxación de rótula ou salto de corda. Na recopilación do ILG das informacións da Coruña atopamos tres variantes: en 19 lugares din *coxa*, sen máis; en 5 din *vaca coxa* e en 18 din *(a) coxa*. Todos eles quedan agrupados nesta voz: *coxa*. Obviamente, tódalas vacas con salto de corda coxean, pero non tódalas vacas coxas o son por un salto de corda. Cabe supoñer que nestes mesmos 90 lugares de Galicia tamén adxectiven como *coxas* ás vacas que o son por outras causas. (ILG: 90 (C:42, LU:15, OU:9, PO:24)).

8624 **crenca** *adx.* Ver TRENCA 4 /8637. (Laraxe).

8625 **derreada 2** *adx.* Ver EIVADA 1 /8628. (Macei.).

8626 **derrencada** *adx.* Ver DERREADA 2 /8625. (Rus).

8627 **derrengada 2** *adx.* Ver DERREADA 2 /8625. (Gui., PSeca).

8628 **eivada 1** *adx.* [Vaca] que ten unha luxación de rótula ou salto de corda. A nosa fonte escribe *eibada*. (Mosen., Noalla, PCal2, Somo1, Somo2, Vxoán).

8629 **emparalizada** *adx.* Ver PARALÍTICA /8636. (Medín).

8630 **encambrillado** *adx.* [Animal] baldado das

pernas, posiblemente por unha luxación de rótula. Ver CAMBRADA /8617. (Mones).

8631 **enfusado** *adx.* [Animal] cunha pata tesa por non ter xogo na rótula. (Nove).

8632 **enroumada** *adx.* Ver ARROUMADA /8615. (Ribó).

8633 **escambroado 1** *adx.* Ver ENCAMBRILLADO /8630. (Lagoa).

8634 **inútil** *adx.* [Vaca] que padece unha luxación de rótula ou salto de corda e que, por tanto, non serve para o traballo. (Burela1, Dum.).

8635 **nervia** *adx.* [Vaca] que padece unha luxación de rótula ou salto de corda. (Pravio).

8636 **paralítica** *adx.* [Vaca] que padece unha luxación de rótula ou salto de corda. (Lampón).

8637 **trenca 4** *adx.* [Vaca] que padece unha luxación de rótula ou salto de corda. (Carr-G).

8638 **tulleita** *adx.* Ver TULLIDA /8639. (Enxames, MCouso).

8639 **tullida** *adx.* [Vaca] que padece unha luxación de rótula ou salto de corda. (Noalla, PSil, Vixoán).

8640 **varada 3** *adx.* [Vaca] que padece unha luxación de rótula ou salto de corda. (Anseán, Fuxás, Nove2).

8641 **zamba** *adx.* Ver ZAMBRA 3 /3839. (Cab.).

8642 **zambra 3** *adx.* [Vaca] que abre as patas ó andar. Supoñemos que non é simple defecto na marcha, senón a consecuencia dun salto de corda. (Cast., Ram.).

8643 ***calambrada** *adx.* Ver CAMBRADA /8617. (Razo).

8644 **con unha pata coxa** *loc. adx.* [Vaca] que padece unha luxación de rótula ou salto de corda. (Buga-N).

8645 **coxa redonda** *loc. adx.* [Vaca] completamente coxa. O segundo adxectivo introduce un matiz de superlatividade. (Figue1).

8646 **que salta a corda** *loc. adx.* [Vaca] que padece unha luxación de rótula ou salto de corda. (Teo).

8647 **varada dunha perna** *loc. adx.* Ver VARADA 3 /8640. (Conxo).

8648 **amolecer 1** *v.* Ter [un bovino] os ligamentos moi relaxados cando se lle tira polo rabo, marcándoselles unha fenda entre os músculos. Este defecto vai a máis co tempo e por iso devalúa o valor da res. Os tratantes utilizan este truco -tirarlles polo rabo- para comprobar se cordea. *Estiven pra decirlles que eles tampouco* [saben emprega-lo diñeiro], *pois mercaron un cuxo que amolece, coles coa potra, un adibal esfiañado* (XNV:111). (Común).

8649 **cambrear** *v.* Botar [a vaca] os pés cara a fóra ó andar. (Carr-G).

8650 **cordear 1** *v.* Ter un salto de corda. (Común).

8651 **escordar 2** *v.* Ver CORDEAR 1 /8650. (Gro4, Noalla).

8652 **'tar cosa** *loc. v.* Padecer [unha vaca] unha luxación de rótula ou salto de corda. Evidentemente, a vaca pode *tar cosa* por moitos motivos. Clasificamos esta voz aquí porque o propio informante a relaciona co salto de corda. (Baíñas).

8653 **andar cordieira** *loc. v.* Cordear [unha vaca]. A nosa fonte defíneo como "bota-la vaca os pés cara a fóra ó andar". (Covas).

8654 **facer regho** *loc. v.* Producirse un rego na coxa a causa da contracción muscular orixinada na luxación da rótula. (Ctel1).

8655 **pega-la cambra** *loc. v.* Manifestárselle [á vaca] a cambra ou salto de corda. (Ctel1).

8656 **poñerse cordieira** *loc. v.* Sufrir [unha vaca] unha luxación de rótula. A nosa fonte defíneo como "desconxuntarse a articulación da pezuña". (Covas).

8657 **salta-la corda** *loc. v.* Padecer unha luxación de rótula ou salto de corda [unha vaca]. A nosa fonte escribe *saltaye a corda*. (Lucí).

8658 **saltar unha corda** *loc. v.* Ver SALTA-LA CORDA /8657. (Guil2).

8659 **secar unha perna** *loc. v.* Padecer [unha vaca] unha luxación de rótula ou salto de corda. (Pade.).

8660 **te-la breca** *loc. v.* Ver TE-LA CAMBRA /8662. (Sofán).

8661 **te-la cambia** *loc. v.* Ver TE-LA CAMBRA /8662. (Burón, Suarna).

8662 **te-la cambra** *loc. v.* Padecer unha luxación de rótula ou salto de corda [unha vaca]. (Cur1).

8663 **te-la cambria** *loc. v.* Ver TE-LA CAMBRA /8662. (Ped1).

8664 **te-la chambra** *loc. v.* Ver TE-LA CAMBRA /8662. (Cospe2).

8665 **te-la pata paralisada** *loc. v.* Sufrir luxación de rótula ou salto de corda [unha vaca]. (Lucí).

8666 **te-las béstas** *loc. v.* Te-las béstas sen xogo [unha vaca]. (Meira3).

8667 **te-lo salto de corda** *loc. v.* Padecer unha luxación de rótula [unha vaca]. (Común).

8668 **te-lo *calambre** *loc. v.* Ver TE-LA CAMBRA /8662. (Común).

8.6.5. Necrose do rabo

Chámase necrose á morte dun grupo maior ou menor de células en calquera órgano ou tecido. Neste caso, falamos da necrose do extremo distal do rabo como consecuencia, normalmente, de traumatismos (golpes ou pisadas doutras vacas ó estaren deitadas), gangrenas por decúbito persistente, queimaduras (por cal ou outros produtos) etc. O único tratamento posible é a amputación da parte necrosada.

8669 **lagarta 2** *s.f.* Alopecia na punta do rabo. (Noalla).

8670 **enxemar** *v.* Cortarlle o rabo [ós animais] pola xema como prevención dunha necrose. A *xema* é a parte viva do rabo. (Nove).

8671 **te-la rabela** *loc. v.* Te-lo rabo necrosado, que se manifesta pola caída total ou parcial do pelo. *Dama rabela* é o lagarto nas adiviñas. (Lama).

8672 **te-lo lagarto no rabo** *loc. v.* Caerlle o pelo (e mesmo a pel) do rabo [a unha vaca]. Úsase como referente o lagarto porque ten o rabo sen pelo. Trátase dunha necrose da punta do rabo: comeza coa caída do pelo e logo chega a cae-lo rabo trozo a trozo. (Sou3).

8.6.6. Obstrución esofáxica

Consiste no accidente dixestivo provocado pola inxestión de determinados alimentos de natureza consistente e certo volume (pan, froitos, raíces, tubérculos etc.) que non poden progresar normalmente polo esófago cara á panza, co que se interrompe totalmente o proceso da eruptación, o que provoca axiña un meteorismo agudo, ordinariamente mortal [248].

Non demos recollida ningunha denominación popular pero disto non se debe deducir que este accidente sexa inusual ou que o gandeiro non o identifique. Probablemente se denomine dunha forma descritiva: *a vaca ten algo* [*unha pataca, un nabo*] *na gorxa*, sen nome propio, porque de feito si que recollemos varios remedios tradicionais e máxicos para solucionalo:

- Meterlle a man na boca (Arc1), tentando coller ou puxar polo obstáculo.
- Meter unha goma ou un pau pola gorxa abaixo (Arc1). Advirtamos que é moi perigoso tentalo cun pau pois por un nadiña poden perfora-lo esófago.
- Meter unha poliña longa cun trapo atado na punta e un pouco de graxa, co que van puxando pouco e pouco (Gro2).

En Mondoñedo, cando unha vaca ten unha pataca no esófago, recitaban o seguinte ensalmo, segundo recolle Lence Santar (Mondo4b) [249]:

A vaca Marela
tén unha pataca na gorxa.
A pataca se volva y-auga
e de y-auga, baba.
Pol-o poder que Dios tén
y-a Virxe María. Amén.

En rematando, o menciñeiro descóbrese e persínase, rezando once Avemarías. Como é natural, se é boi en vez de vaca ou se non é marela ou se en vez dunha pataca é outra cousa, cambian o ensalmo e especifícano.

Este problema describiuno ben Xosé Crecente Vega nun poema que excepcionalmente imos reproducir.

A pataca [250]

O outro día por pouco
non pasou na nosa casa
unha desgracia moi grande
coa millor res, coa Gallarda.
Por un descuido, deixamos
aberta a porta da aira,
i a vaca entón ¡que máis quixo
que ve-la salida franca!
Botouse fóra ás carreiras
e do alboio na entrada
atopou, coma para ela,
unha cesta de patacas,
e conforme é comedora
uliunas engulimada,
e púxose a comer nelas
coa boa fe dunha vaca.
Non pensaba, o animal,
mentras tragaba e tragaba,
en que unha delas se lle quedase
quizabes atragantada.
I así pasou, que unha delas
sin ser dos dentes tocada,
esvaróuselle prá gorxa
e quedóuselle atestada
nela e non lle foi posibre
nin cuspila nin tragala.
Mandamos chamar correndo
o menciñeiro da Granda.
E desque chegou e viu
o animal como estaba,

[248] Debe terse en conta que unha vaca produce entre 200 e 600 litros de gases diariamente por causa dos fenómenos fermentativos que teñen lugar na panza, que se eliminan principalmente mediante continuos eruptos.

[249] Lis Quibén (VLQ:310) cita a Eduardo Lence Santar, *La Voz de Mondoñedo*. Véxase o texto completo de Lence Santar en 8.9.2.

[250] XCV:499.


inchada coma un bandullo,
cos ollos que lle estalaban,
coa lengua toda de fóra,
coa boca toda babada;
dixo: axudádeme todos;
pódese salva-la vaca.
Collémola polos cornos,
deitámola ben deitada,
e cun mallico do toxo
démoslle unha mallicada
sobre do nó que na gorxa
lle tiña feito a pataca,
con xeito, pero con forza
para esmagarlla; i esmagámoslla.
I o animal, xa con ánimos,
desque viu que respiraba
ergueuse i esperguizouse,
coma quen di: xa estou salva.
E mentras o menciñeiro
lle pasa a mao pola cara,
a modiño, cariñoso,
e con moi boas palabras,
a vaca de agradecida,
bótalle unha lamboada,
e dille coa lengua grande:
¡Dios llo pague! ¡Moitas gracias!

8.6.7. Sinovite

É unha inflamación da bolsa sinovial das articulacións carpiana e tarsiana (popularmente, os xeonllos), con acumulación do líquido sinovial, producida polo rozamento continuo co chan duro, de cemento, en cortes con pouca cama. Tamén se chama bursite.

Nos bóvidos, a aparición destas bursites nas extremidades anteriores débese ó xeito característico que teñen de se erguer e deitar, cargando todo o peso do corpo sobre eses artellos.

Poden acada-lo tamaño dunha pelota grande, flutuante, e conteñen un líquido sinovial viscoso máis ou menos turbio. Adoitan localizarse na cara externa das béstas e cursan sempre con inchazo e transtornos funcionais do artello coa correspondente coxeira, ó non poderen apoiar normalmente a extremidade afectada. Normalmente, o avultamento é indoloro pero cando a causa é unha artrite, a dor é característica.



Sinovite.

8673 **almoada 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ALMONADA /8674. (Dozón, Piñor, Santi.).

8674 **almonada** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na parte externa das patas. Aínda que a inflamación sinovial ten moito parecido no aspecto e mais no tacto con esa bolsiña mol que en castelán se chama *almohadilla*, e que se pon baixo o xeonllo para axeonllarse sen dolor, temos algunha dúbida da xustificación do hache intercalado, visto que en Carño2 o informante

do ILG escribe claramente *almonadas*, e nese caso podiamos pensar que se tratase dunha perda de ene intervocálico que despois, pola homofonía coa palabra castelá, acaba recibindo un hache antietimolóxico. O curioso é que no latín medieval *almonaria*, *almoneria* e *almonarium*, que derivan da voz grecolatina *elemosynaria/-um*, significan precisamente "bolsa". Puido existir unha voz ***almonata* da que derivaría esta nosa *almonada* e as outras *almoadas* (***almohadas*). De ser certa a nosa hipótese, *almonada* sería un cultismo. (Carño2).

8675 **almorrana** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ALMONADA /8674. (Alla2, Cadrón, Lava., Ribó, Sabu3).

8676 **alurtia** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Gun).

8677 **calsón 1** *s.m.* Ver CALZÓN 1 /8678. O noso informante de Vtose. recolle como forma de plural o castelanismo *calsones*. (Cam2, Vtose).

8678 **calzón 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na parte externa das patas (sinovite). A nosa fonte en Camariñas explica que se trata dun avultamento brando que se dá nas vacas que se crían en cortes de cemento, na articulación carpo-metacarpiana. (Arzón, Cam1, Cam2, Dum., Negr2).

8679 **edra 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Barre).

8680 **esparamán** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver ESPARAVÁN 1 /8681. (Baíñas).

8681 **esparaván 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. As nosas fontes recollen a forma do plural *esparaváns* (Tabor.) e *esparanes* [sic] (Vill-O). Sospeitamos dun erro na transcrición dos *esparanes* de Vill-O. (Tabor., Vill-O).

8682 **espulla 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. Xa no orixinal vén entre interrogacións: *¿Espullas?*, sen que o informante explique a razón das súas dúbidas. En calquera caso, costa crer que se designe co nome de espullas (máis propio das pequenas tumoracións na pel) un caso de sinovite, no que o avultamento adoita ser de tamaño considerable. Pero tamén se recolle *espullos*, en Bidu. e Calo, e *pullas* en Piñei2, polo que non podemos consideralo como erro, non sexa que realmente nestes lugares se chame así á sinovite. (Ben.).

8683 **espullo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 3 /8682. (Bidu., Calo).

8684 **flamón 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. A nosa fonte recolle a forma do plural *flamós*. (Burela1).

8685 **groio** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. A nosa fonte escribe *groyos*. (Caban., Carbal., Sisto).

8686 **inchazo 2** *s.m.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (PSeca).

8687 **landrillón** *s.m.* Vulto que lles nace ás vacas nos pezuños ou nas corvas, cheo de líquido sinovial, que tira ó amarelo. De Aníbal Otero copiamos esta definición: "Cada uno de los bultos, llenos de un agua amarilla, que nacen a las reses de ganado vacuno y caballar en las pezuñas o las corvas. Barcia. Del lat. *glandine*" (AO2:3). Crespo Pozo recólleo do *Tratado de Albeiteiría*, de Jordán Rubio de Calabria. (AO2, CP, Piquín).

8688 **lubiño** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Suevos).

8689 **macho 6** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Enxames).

8690 **mamota 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MANIOTA 3 /8691. (Chan).

8691 **maniota 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Camba, Piñe., Veste).

8692 **molestia 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MOLETA 2 /8693. (Zamáns).

8693 **moleta 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lle sae ás vacas na cara externa das articulacións radio-carpiana e tibio-tarsiana. (Feás-A, Incio, Mon., Sende., Troán1, Vala. ILG:50 (C:16, LU:21, OU:4, PO:9)).

8694 **molida 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Inflamación crónica da sinovial radio-carpiana con acumulación de líquido que sobresae como un globo. Estas sinovites poden aparecer tamén no artello da bésta, e así nolo indica o noso informante de San.: "na cara externa da perna á altura da corva". (Culle., Medín, Mel1, Pedro., San.).

8695 **moliño** *s.m.* Ver MOLIDA 3 /8694. (Macei.).

8696 **muleta 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MOLETA 2 /8693. (Arme., Corre., Cubi2, Gui., Laiosa, Negral, Penela, Pravio, Vala1, Vixoán., Vmaior).

8697 **mulida 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MOLIDA 3 /8694. (Carde., Cur., Rendal).

8698 **orgo 2** *s.m.* Sinovite, vulto que lles sae ás vacas nas articulacións radio-carpianas. (Razo).

8699 **palmoeira 10** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Saiar).

8700 **pánxema 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Estr3, Lago, Vi-Val).

8701 **pasador 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Tab1).

8702 **pelota 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Sinovite. A nosa fonte en Caa. especifica que é nas patas de atrás, pero insistimos en que se pode presentar tamén nas de diante. (Caa., Cab., Lañas, Lendo, Nive., Razo, Sofán, XER).

8703 **penillo** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas de atrás. (Anca).

8704 **porca 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Morai.).

8705 **pulla 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ESPULLA 3 /8682. (Piñei2).

8706 **quiste 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Rama., Val-LE, Xudán1).

8707 **taina** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Busta., PSil).

8708 **tarabelo** *s.m.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas traseiras. Ve-lo comentario a *ALMOADILLA 1 /8714. (Callo).

8709 **tumor 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Bar-Co).

8710 **verrugha 3** *s.f. Ú. m. en pl.* A nosa fonte defíneo como "vultos que lles saen ás vacas na cara externa das patas" e escribe *berrujas*. Como xa dixemos na voz *espulla 3*, faise difícil entender que denominen *berrugas* a unha sinovite. É posible que o colector da información clasificase así esta voz cando o seu informante lle estaba sinalando, simplemente, as espullas que tiña a vaca. (Lañas).

8711 **vulto 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Sinovite. A nosa fonte escribe *bultos*. (Abe., Anseán, Lampón, Lestón).

8712 **xoaneta** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver XUANETE /8713. (San.).

8713 **xuanete** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Cast., Cerd., Poulo, Vviño).

8714 ***almoadilla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na parte externa das patas. Algunhas das nosas fontes escriben *almohadillas*. Recollamos algunhas das nosas informacións. Callo. explica o seguinte: "Bultos que salen a las vacas en la cara externa de las patas: *almohadillas* o *tarabelo* si es en la parte [sic] de atrás, y *rodilleiras* si es en las patas de delante". En Oroso2 dinnos que é: "cuando entre las patas traseras le engorda una vena", pero en realidade non se trata de vea ningunha, senón da inflamación da cápsula sinovial. Polo contrario, Ribe2 di: "*Almohadillas*: enfermedad que le sale en la cadera", e Lagar., que recolle *almoadilla*, adxunta un debuxo no que a parte que se inflama está nas coxas. Nestes dous casos preferimos clasifica-la voz como adenite (8.8.9), infarto dos ganglios linfáticos precrurais, como consecuencia de enfermidades infecciosas crónicas, como tal, dunha tuberculose. Estes ganglios están situados a uns 10-15 cm por riba da virilla, máis ou menos onde os sitúa o debuxo do informante de Lagartóns. (Agro., Arzúa2, Callo., Casal., Com1, Couce., Couso, CTui, Cunt2, Eixo, Figue1, Figue2, Fol-C, Grixoa, Lucí, Melias, Negr2, Nive., Oroso1, Oroso2, PCal2, Peroxa, Pre., Randu., Ribad., San., Sofán, Somo2, Tab1, TapiaC, Vcova).

8715 ***callo 4** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. Así o define o noso informante en Noalla e por iso clasificámolo como sinovite pero, en lei dereita, tamén podería ser un simple calo ou dureza nas patas por roce co cemento da corte. (Noalla).

8716 ***fuelle** *s.m. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas. (Vrei.).

8717 ***nudo** *s.m.* Nó, vulto que lles sae ás vacas na articulación radio-carpiana. (Com1, Oroso2).

8718 ***rodilleira 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na cara externa das patas dianteiras. Ver TARABELO /8708 e *ALMOADILLA 1 /8714. (Callo).

8719 ***rodillera 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver *RODILLEIRA 2 / 8718. (MCouso).

8720 **aghotado** *adx.* Ver AXOTADO /8721. (Cato).

8721 **axotado** *adx.* [Becerro] que ten os xeonllos inflamados e con líquido. (Arc1).

8722 **recargao** *adx.* [Bovino] que padece de sinovite. (Rib-S).

8723 **recarghada** *adx.* [Vaca] con sinovite nos xeonllos. A nosa fonte escribe *recarjadas*. (Ortoño).

8724 ***almoadillada** *adx.* [Vaca] que ten moletas ou **almoadillas*. (Com1).

8725 **botar as *almoadillas** *loc. v.* Presentar [unha vaca] as moletas (**almoadillas*). A nosa fonte escribe *votar as almohadillas*. (Tab1).

8726 **te-los calzóns** *loc. v.* Presentar un vulto que lles sae [ás vacas] onda a rótula e que fai que se lle seque a pata. Disque é incurable. (Cam1).

8.6.8. Sobreoso

Exóstose ósea do metacarpo e, rara vez, do metatarso, habitualmente na cara medial do óso, debida a causas internas (tracción e presión muscular ou articular) ou externas (normalmente, golpes repetidos pero tamén feridas, infeccións ou carencia de vitamina D). Pode formar un anel completo ou parcial ó redor dun artello ou simplemente un avultamento na superficie ósea. Provoca unha coxeira marcada, que pode chegar á rixidez no artello.

É moito máis frecuente nos cabalos que nos bóvidos.

8727 **sobreoso** *s.m.* Avultamento óseo que se observa nas vacas na cara externa ou dorsal das mans ou das patas. (Arca).

8728 ***sobrecaña** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver SOBREOSO /8727. O castelanismo explícase porque o óso no que asenta é a *caña. (Vxoán).

8729 ***sobreghueso** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver SOBREOSO /8727. A nosa fonte escribe *sobrehuesos con geada*. (Meir.).

8730 ***sobrehueso** *s.m.* Ver SOBREOSO /8727. (Rib-E).

8.6.9. Traumatismos

Chamamos así calquera lesión do organismo provocada mecanicamente por un axente externo, acompañada ou non por unha ferida aberta. Acompáñanse sempre de dolor e inflamación e, se afecta un óso ou un artello, de inmobilidade ou dificultades no normal movemento do mesmo.

8731 **golpe** *s.m.* Traumatismo. O noso informante explica: *pódese pudrir a carne a causa dun golpe e entonces a veces sae un gusano*. Naturalmente o tal verme, se aparece, é porque alí foi unha mosca e puxo un ovo na carne putrefacta; dicilo contrario sería crer na xeración espontánea. Ó falar en singular, *sae un gusano*, tamén podiamos estar ante unha descrición peculiar dun vérrego, como se a hipodermose fose a consecuencia dun golpe no lombo. As moscas, coma moitos outros insectos, poñen os seus ovos sobre materia orgánica en descomposición, con especial preferencia pola carne en putrefacción. Tamén o fan sobre as feridas abertas infectadas e tumefactas. Perciben rapidamente e a grandes distancias esta situación e tense comprobado que tardan escasos minutos en localiza-la presenza dun cadáver sobre o que deposita-los seus ovos nas aberturas naturais (boca, fosas nasais, vulva, ano) ou nas feridas, se existen. E, se cadra, isto ten que ver coa tradición humana de lle cerra-la boca inmediatamente a unha persoa cando morre. (Culle).

8732 **atoutelado** *adx.* Aparvado, aturdido, coma tal unha res cando se lle dá un pau. (Cou1).

8733 **atroxado** *adx.* Ver ATOUTELADO /8732. (Cou1).

8734 **desortuxado** *adx.* [Boi ou vaca] que por accidente ou golpe queda sen uña. (FA).

8735 **escombreixado** *adx.* [Animal] que ten un óso afundido. (Xun2).

8736 **aloucar** *v.* Atontar ou atordoar [un animal] dun golpe na cabeza. (Friei.).

8737 **descombreixar** *v.* Afundírselle un óso [a un animal] por cousa dun golpe ou accidente. (Xun2).

8738 **escostrexarse** *v.* Queixarse [a vaca] por algún golpe, dor ou cornada. (Arcos).

8.6.9.1. Traumatismos nas patas

As causas máis frecuentes son choques do pé contra corpos duros do chan, os golpes producidos por calquera obxecto contra o pé, pisadas doutros animais etc. Pódense incluír tamén os traumatismos provocados por manobras incorrectas na colocación das ferraduras.

O síntoma común é sempre a dor e a coxeira consecuente. O prognóstico é moi variable segundo a extensión da inflamación, as complicacións que se presenten e a antigüidade da lesión.

Un dos nomes populares é o *zapatazo* e a terapia popular consiste en vendarlle a pata cunha tea mollada en vinagre con sal (Gro4). Pero para o léxico e as terapias das coxeiras véxase a epígrafe 8.8.4.

8739 **descompostura** *s.f.* Escordadura na articulación do pezuño. (Alla2).

8740 **desconxuntadura** *s.f.* Ver ESCORDADURA /8745. (Mira.).

8741 **desnogadura** *s.f.* Ver ESCORDADURA /8745. (Piquín).

8742 **despegadura** *s.f.* Ver ESCORDADURA /8745. (Dum.).

8743 **escorcedura** *s.f.* Ver ESCORDADURA /8745. (Marín).

8744 **escordada 1** *s.f.* Ver ESCORDADURA /8745. (Toba).

8745 **escordadura** *s.f.* Lesión nun artello na que só se ven afectados os tecidos brandos, os ligamentos entre os ósos. (Ced., Com1, Cur., Gui., Gun).

8746 **esforzada** *s.f.* Ver ESCORDADURA /8745. (Toba).

8747 **esnocradura** *s.f.* Ver ESNOGADURA /8748. (Com1, Suarna).

8748 **esnogadura** *s.f.* Ver ESCORDADURA /8745. Realmente, a nosa fonte define como "rotura dun óso", pero, tamén no *Glosario de voces galegas de hoxe* e nas mesmas e outras localizacións, *esnogar*, *desnogar* e *ennocar* significa dislocarse un óso. (Ced., Suarna).

8749 **estordeganza** *s.f.* Escordadura na articulación do pezuño. (Carr-G).

8750 **estordego** *s.m.* Ver ESTORDEGÓN /8751. (CP, ERG).

8751 **estordegón** *s.m.* Distensión muscular por golpes ou torcedura. (Gud., Gud5).

8752 **estoucada** *s.f.* Ver ESCORDADURA /8745. (Toba).

8753 **zapatazo 2** *s.m.* Golpe que recibe no pezuño unha vaca ó bater nunha pedra. En Noalla, cando a mazadura non produce sangue chámanlle *zapatazo*. Pero, cando hai sangue chámanlle *romper o papo*, porque alí *papo/papos* é a parte do pé recuberta polo casco. (Gro4, Noalla).

8754 **descalcañada** *adx.* [Vaca] que sufre unha escordadura na articulación do pezuño. (Fol-LE).

8755 **desfiada 1** *adx.* [Vaca] que escordou un artello. O informante especifica que se trata do artello de enriba, o xeonllo. (Ben.).

8756 **espaletada** *adx.* Ver *ESPALDILLADA /8759. (Cam1).

8757 **forzada 1** *adx.* [Vaca] que escordou un artello. O informante especifica que se trata do artello de abaixo, no pezuño. (Ben.).

8758 **relaxado** *adx.* [Pezuño ou casco] que padece unha escordadura. (Piñor).

8759 ***espaldillada** *adx.* [Vaca] que desconxuntou a articulación escápulo-humeral. (Cam1).
8760 **abrirse** *v. prnl.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [á vaca]. (Carbal., Carde., Carño2).
8761 **cordillarse** *v. prnl.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [á vaca]. (Boi.).
8762 **cortarse 1** *v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [á vaca] debido a un gran esforzo. (Feás-A).
8763 **derrancar** *v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [á vaca]. (Arca).
8764 **derrancare** *v.* Ver DERRANCAR /8763. (Fuxás, Pre.).
8765 **desartellarse** *v. prnl.* Ver DESENSORTELLAR /8777. (Dozón, Enxames).
8766 **desbotar** *v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [á vaca]. A nosa fonte escribe *desvotar*. (Negr2).
8767 **descalzarse** *v. prnl.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [á vaca]. (Barre., Dis., Fre., Rábade).
8768 **descarrilar** *v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [á vaca]. (Vrei.).
8769 **descarrolarse** *v. prnl.* Desconxuntarse a articulación do pezuño [á vaca]. (Vala).
8770 **descompoñer** *v.* Escordar [un artello]. (Caa., Cab., Com1, Cur., Dum., Mon., Razo, San.).
8771 **descompoñerse 2** *v.* Desconxuntárselle [a articulación do pezuño]. En Vtose. a nosa fonte escribe *descomponerse*. (Ces., Codeso., Cur1, Dum., Dúas, Estr3, Gui., Lendo, Oroso1, Pedro., Vala1, Vtose).
8772 **desconxuntar** *v. Ú. t. c. prnl.* Desprazarse [as superficies óseas nun artello], sufrir unha escordadura. (Caban., Com1, Damil, ERG, Figue2, Fózara, Lampón, Mondo2, Pade., Ped1, Piquín, Ram., Ribe1).
8773 **descorcillar** *v.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Sob).
8774 **descordarse 1** *v. prnl.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Burgo, Cast., Feás-A, Oroso2, Porto, Tab1).
8775 **descunxuntarse** *v. prnl.* Ver DESCONXUNTAR /8772. (Viso2).
8776 **desencordarse** *v. prnl.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Aranga).
8777 **desensortellar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Antas3, Arroxo, Baltar, Buga-N, Burón, Ced., Laiosa, Lamas, MCouso, Melias, Nove2, Penela, Piquín, Rib-S, Suarna, VFrore., Xeve, Xudán1).
8778 **desensorteñarse** *v. prnl.* Ver DESENSORTELLAR /8777. (Troán1).
8779 **desensortillar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver DESENSORTELLAR /8777. (Morga., Vala).
8780 **deslocar** *v.* Ver DISLOCARSE /8788. (Verdu).
8781 **desnogar** *v. Ú. t. c. prnl.* Desconxuntarse [a articulación do pezuño]. En Piquín non é pronominal. (Burela1, Caa., Cab., Cre., Piquín).
8782 **desnogharse** *v.* Ver DESNOGAR /8781. A nosa fonte escribe *desnojarse*. (Caa).
8783 **desnortellarse** *v.* Ver DESENSORTELLAR /8777. (Estr4, Peroxa, Somo1).
8784 **desortellar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver DESENSORTELLAR /8777. (Bolo, Peno., Piquín, Rendal).
8785 **desortillar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver DESENSORTELLAR /8777. (Ced., Noalla, Vill-O).
8786 **despegarse** *v.* Escordar [os ósos]. (Dum.).
8787 **destornillarse** *v.* Ver DESENSORTELLAR /8777. (Carr-C).
8788 **dislocarse** *v.* Desconxuntarse [a articulación do pezuño]. (Buga-A).
8789 **dixemar** *v.* Desconxuntarse [un artello]. (Per1).
8790 **ennocar** *v.* Ver DESNOGAR /8781. (Laxe).
8791 **enrellarse 2** *v.* Desconxuntarse [a articulación das falanxes co metacarpo ou co metatarso]. O informante pode estar refiríndose a un traumatismo pola rella do arado, non realmente a unha escordadura. (Xun.).
8792 **ensortellar** *v.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Burón, Suarna).
8793 **escangallarse** *v.* Desconxuntarse [un artello]. (Cod., Com1).
8794 **escarrillarse** *v.* Ver DESCARROLARSE /8769. (Vcova).
8795 **escordar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Desconxuntárselle [unha articulación á vaca]. As fontes quitadas do cuestionario do ILG especifican que é no pezuño. En CarbCo. e Saiar non é reflexivo. Viso1 escribe *escodarse* que consideramos un erro de trascrición. (CarbCo., Carr-C, Ced., Com1, Crendes, Culle., Cur., ERG, Fri., Goián, Gro1, Gui., Gun., Lagar., Lous., Mosen., Oliv., Ortoño, Parga, Ped1, Rama., Razo, Redo., Rib2, Ribad., Saiar, SComba, TapiaC, Viso1, Viso2).
8796 **escordearse** *v.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Cam4).
8797 **escordillar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Com1, Culle., Mel1, Mon., Nove., Oirós, Santi.).
8798 **escurdillarse** *v.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Mon).
8799 **esfiar** *v. Ú. t. c. prnl.* Desconxuntar [un óso]. En Vixoán. é pronominal. (Burón, Ced., Ped1, Suarna, Vil., Vixoán).
8800 **esforzar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Toba, Vala).
8801 **esgallar** *v.* Desconxuntarse [a articulación do pezuño] con separación das dúas uñas. (Callo).
8802 **esmancarse** *v.* Desconxuntarse [unha articulación]. (VLLM,VS).
8803 **esmangallar** *v.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Mez).
8804 **esnocrar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver DESNOGAR /8781. (Piquín).
8805 **esnogar** *v.* Ver DESNOGAR /8781. (Burón, Ced., Cre., Suarna).
8806 **espalancar** *v.* Desconxuntarse [a articulación do pezuño]. (Chan).
8807 **espalmarse** *v.* Desconxuntárselle [a articulación do pezuño]. (Lagar.).
8808 **estallarse** *v.* Desconxuntárselle [a articulación do pezuño]. (Lagar.).
8809 **estorcegar** *v.* Ver ESTORDEGAR /8810. (Sabu2).
8810 **estordegar** *v. Ú. t. c. prnl.* Desconxuntárselle [a

articulación do pezuño]. (CP, ERG, Gud., Mez., Mra., Ram.).

8811 **estordigar** *v.* Ver ESTORDEGAR /8810. (Xun.).

8812 **estranquillar** *v.* Desconxuntar [un artello]. (Rubiá).

8813 **estrocharse** *v.* Desconxuntárselle [a articulación do pezuño]. (Borre.).

8814 **esvararse** *v.* Desconxuntárselle [a articulación do pezuño]. (Carb3, Noice).

8815 **mudarse** *v.* Desconxuntarse [un óso]. (Per).

8816 **relaxarse** *v.* Desconxuntárselle [a articulación do pezuño á vaca]. (Veste).

8817 **resentirse** *v.* Desconxuntárselle [a articulación do pezuño á vaca]. (Cur.).

8818 **soltiaduirarse** *v.* Desconxuntarse o *soltiaduiro*, artello que teñen as vacas sobre o pezuño. (Morai.).

8819 **soullar** *v.* Desconxuntarse [a articulación do pezuño]. (Anca).

8820 **trillarse** *v. prnl.* Desconxuntárselle [a articulación do pezuño]. (Cang2, Neves2).

8821 **abri-la pata** *loc. v.* Ver ABRI-LO PÉ /8822. (Vcova).

8822 **abri-lo pé** *loc. v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [á vaca]. (Fara., Oirán).

8823 **abrirse a perna** *loc. v.* Ver ABRI-LO PÉ /8822. (Sisán).

8824 **abrirse as patas** *loc. v.* Ver ABRI-LO PÉ /8822. (Cunt2).

8825 **abrirse das patas** *loc. v.* Ver ABRI-LO PÉ /8822. (Lestón).

8826 **abrirse do soltadoiro** *loc. v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [á vaca]. (Leir-A).

8827 **abrirse o pé** *loc. v.* Ver ABRI-LO PÉ /8822. As nosas fontes escriben *abrírselle o pé á vaca* (Com1), *abrirselle os pes* (Sofán) e *abríuselle un pé* (PSil e Sabu3). (Com1, Eixo, Fol-C, PSil, Sabu3, Sofán).

8828 **descalzarse dos pisos** *loc. v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [á vaca]. Así responde o noso informante en Alence á pregunta que lle fai a enquisa do ILG, sen que saibamos se eses *pisos* designan os nortellos (ou artellos do soltadoiro, situados xusto por riba dos pezuños), ou os propios pezuños que se desprendan por algún traumatismo (o que explicaría a referencia a *descalzarse*). (Alence).

8829 **descompoñe-lo artello** *loc. v.* Escordar un artello. (Conxo).

8830 **descompoñer un pé** *loc. v.* Escordar un artello [do pé unha vaca]. (Cur.).

8831 **descompoñerse a perna** *loc. v.* Escordar un artello [do pé unha vaca]. (Vi-Val).

8832 **descompoñerse o *güeso** *loc. v.* Escordar un artello. (Pravio).

8833 **desconxuntarse dos pegunchos** *loc. v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [á vaca]. (Abadín).

8834 **desnoca-la perna** *loc. v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [a unha vaca]. (Abe.).

8835 **escanella-lo ortello** *loc. v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [a unha vaca]. (PSeca).

8836 **escorda-las uñas** *loc. v.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Callo).

8837 **escorda-lo pé** *loc. v.* Ver ESCORDAR 1 /8795. (Callo).

8838 **partir unha perna** *loc. v.* Escordar un pezuño [unha vaca]. Denominación hiperbólica. (Sende).

8839 **quedar sin ghonsos** *loc. v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [a unha vaca]. A nosa fonte escribe *quedar sin jonsos*. Curiosa metáfora que aplica ó artello do pezuño a imaxe dunha bisagra ou gonzo. (Lucí).

8840 **rompe-lo pé** *loc. v.* Ver PARTIR UNHA PERNA /8838. (Ribó).

8841 **te-la perna relaxada** *loc. v.* Ter desconxuntada a articulación do pezuño [unha vaca]. (Consta.).

8842 **te-lo pé aberto** *loc. v.* Ter desconxuntada a articulación do pezuño [unha vaca]. (Meir.).

8843 **te-los pés abertos** *loc. v.* Ver TE-LO PÉ ABERTO /8842. (Lago, Sisto).

8844 **te-los pitóns** *loc. v.* Ter inflamada a zona posterior dos ósos do pezuño. (Sou3).

8845 **ter unha *sobrecaña** *loc. v.* O noso informante define como estar desconxuntada a articulación do pezuño. Lémbrese que co nome de *sobrecaña* e *sobreoso* temos rexistrado unha patoloxía diferente, que consiste nunha neoformación ósea sobre a superficie do metacarpo. Neste caso, é posible que o informante de Agro. estea facendo un diagnóstico equivocado, atribuíndo a previsible coxeira da vaca a unha lesión articular cando, de tratarse realmente dunha *sobrecaña*, é outra cousa. (Agro.).

8846 ***sali-lo soltadeiro** *loc. v.* Desconxuntárselle a articulación do pezuño [a unha vaca]. (Figue1).

A quen co demo anda, o boi se lle esmanca. (VS)
O ruín boi na corte folgando s'esmanca. (VLLM:1,150) [251]

[251] Llópiz recólleo de A. Abelaira; coma en casos anteriores conservámo-lo apóstrofo arcaico por parecernos que así disimula a colocación do pronome; explica que *esmancarse* é *distorsionarse un miembro, quebrarse una extremidad*.

8.6.9.2. Traumatismos no lombo

8847 **aparragachado** *adx.* [Animal ou persoa] que anda encolleito por cousa dunha lesión no espiñazo ou na rexión lumbar. (Gud2).
8848 **ensillada** *adx.* [Vaca] que ten o lombo afundido ben por descalcificación, ben por golpe. (Gro4, Mez).
8849 **eslombada** *adx.* [Vaca] co lombo afundido a consecuencia dun golpe. (Carr-G, Culle).
8850 **panda 1** *adx.* [Vaca] co lombo afundido a consecuencia dun golpe. (Gro4, Mel1, San., Sob).
8851 **pandela 1** *adx.* Ver PANDA 1 /8850. (Sob).
8852 **pandiñado** *adx.* Ver PANDA 1 /8850. (ERG, LG).
8853 **pandoiro** *adx.* Ver PANDA 1 /8850. Ten valor despectivo. Aplícase tamén ás persoas. (Piquín).

8.6.9.3. Traumatismos na cadeira

8854 **torcedura da croca** *s.comp.f.* Inclinación da cadeira e da súa masa muscular a consecuencia dun traumatismo. (Pravio).
8855 **lombo de can** *loc. s.* Ver BAIXO 1 /8859. (Saln.).
8856 **aleixada** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Baltar).
8857 **baixa** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Buga-N, Camba., VFrore.).
8858 **baixada** *adx.* [Croca] afundida a consecuencia dun traumatismo na cadeira. MCouso tamén o combina co subst. m. *cadril* (*cadril baixado*). (Carño2, MCouso).
8859 **baixo 1** *adx.* [Cadril] afundido a consecuencia dun golpe. As nosas fontes escriben *cuadril baixo* en Laiosa, Mon., Samos3 e Sete-L; e *codril baixo* en Chan. O resto das fontes utilizan a forma *cadril*. (Cadrón, Carbal., Chan., Laiosa, Mon., Samos3, Sete-L, TapiaC).
8860 **cortada 4** *adx.* Ver BAIXA /8857. (Pravio).
8861 **derramada** *adx.* Ver DERREADA 1 /8862. (Bar-Co).
8862 **derreada 1** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (ERG).
8863 **derreado** *adx.* Ver BAIXO 1 /8859. (Conxo).
8864 **derrengada 1** *adx.* Ver DERREADA 1 /8862. (Enxames).
8865 **descadriada** *adx.* Ver ESCADRILADA /8879. (Ced).
8866 **descadrilada** *adx.* Ver ESCADRILADA /8879. (Fol-LE, Salv3, Valad2, Viso1, Viso2, Xeve).
8867 **descadrillada** *adx.* Ver ESCADRILADA /8879. (Mour1, Oroso1).
8868 **descalidrada** *adx.* Ver ESCADRILADA /8879. Notable a metátese por *descadrilada*. (Mosen., Valad1, Viso1, Viso2, Xeve).
8869 **descrocada** *adx.* Ver ESCROCADA 1 /8883. (CReis2, Sisto).
8870 **desfiada 2** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Fre).
8871 **desnocada** *adx.* Ver ESCROCADA 1 /8883. (CTui, Suevos).
8872 **despiada** *adx.* Ver ESPIADA /8894. (Lampón).
8873 **despuntada** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido por un golpe. (Gud., Gud5).
8874 **dexemada 1** *adx.* [Vaca] derrengada do cadril a consecuencia dun golpe. Cando as vacas están en celo, adoitan montar unhas nas outras e esta acción pode provoca-la rotura do cóccix (*croca*) e, como consecuencia, afúndeselle-la croca e pode aparecerlles parálise do rabo. Nestes casos os gandeiros venden a vaca porque saben que nestas circunstancias *non agarra*, é dicir, é improbable que empreñe. (Arroxo, Cubi2, Mira., Piquín, Sisto, Taboa., Troán1).
8875 **eivada 2** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Corb., Vnova2).
8876 **ennucida** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Burela1).
8877 **ernachada** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Fuxás).
8878 **escadriada** *adx.* Ver ESCADRILADA /8879. (Antas3, Ces., Cur1, Gui.).
8879 **escadrilada** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Agro., Anseán, Bidu., Cadrón, Calo, CarbCo., Casal., Cerd2, Cubi2, Cunt2, Dozón, Estr3, Estr4, Gaxate, Lucí, Negral, Oliv., Ortoño, Pal., Peroxa, Rib-E, Ribe1, Ribe2, San., Somo2, Teo, Valad2, Vedra, Verdu., Vi-Val).
8880 **escadrillada** *adx.* Ver ESCADRILADA /8879. (Abadín, Arca., Cervá1, Cervá2, Ctel1, Dúas, ERG, Lañas, Lava., Nive., Oroso2, Oza, Penela, Vilar).
8881 **escarrillada** *adx.* Ver ESCADRILADA /8879. (Cere., Laiosa).
8882 **escordada 2** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Dis.).
8883 **escrocada 1** *adx.* [Vaca] que, como consecuencia dun golpe, ten afundida a croca e nin ergue nin move o rabo. (Común).
8884 **escroucada** *adx.* Ver ESCROCADA 1 /8883. (Somo1).
8885 **escuadrilada** *adx.* Ver ESCADRILADA /8879. (Veste).
8886 **esfondada** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Culle).
8887 **esmanzanada** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. O noso informante en Ancares2 recolle *esmazanao* co significado xeral de "dislocado o roto de algún miembro". (Vill-O).
8888 **esmazaiada** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a

consecuencia dun golpe. O informante escribiu *esmazayada*. ¿El será *esmazallada*? (Xudán1).

8889 **esmazoado** *adx.* Ver ESMAZAIADA /8888. (Donís1).

8890 **esnachada** *adx.* Ver NACHA 1 /8913. (Antas3, Callo., Cast., Codeso., Fol-C, Lagar., Medín, Mel1, Pedro., Somo1, Tab1).

8891 **esnafrada** *adx.* Ver NAFRA 1 /8914. (Peno., Ribó, Sabu3).

8892 **esneciada** *adx.* Ver NECIA /8920. O informante escribiu *esneziada*. (Gui., Meira2).

8893 **esnocreada** *adx.* Ver ESCROCADA 1 /8883. (Damil).

8894 **espiada** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Aranga, Baltar, Bolo, Car2, Cur1, Feás-A).

8895 **espombelada** *adx.* Ver DEXEMADA 1 /8874. (Vila).

8896 **estiada** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. ¿Será erro por *espiada*? (Alence).

8897 **farrada** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Vrei.).

8898 **fendido** *adx.* Ver BAIXO 1 /8859. (Cang2).

8899 **fragha** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Guil2).

8900 **lunanca** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Val-LE).

8901 **mainiña 3** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido por un golpe. (Cod., Laxe, Morai., Negr2, Toba, Verdía).

8902 **mamiña 2** *adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Cabal., Grixoa, Lendo, Razo, San.).

8903 **maniña 4** *adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Baña2, Carb3, Cruído, Dum., Lendo, Negr2, Noice., SComba).

8904 **meimiña** *adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Per).

8905 **meiniña 1** *adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Abe., Miñor2, TapiaC).

8906 **meixao** *adx.* Ver BAIXO 1 /8859. A nosa fonte recolle *cuadril meixao*. (Melias).

8907 **melga** *adx.* [Vaca] que ten afundida a croca por efecto dunha fractura. (Vila).

8908 **memiña** *adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Macei.).

8909 **mendiña** *adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Gud., Mez).

8910 **miniña** *adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Cam4).

8911 **mouca 3** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Piñei2).

8912 **nacio** *adx.* Ver NECIA /8920. (Cañiza).

8913 **nacha 1** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido como consecuencia dun golpe. (Alla2, Arzúa2, Boi., Carde., Lous., Mel1, Nove., Poulo, Pre., Rendal, Santi., Tab., Vviño).

8914 **nafra 1** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido como consecuencia dun golpe. Sisán escribe *nafa*. (Carr-C, Ctel1, CTui, Frei., Guil., Neves2, Peroxa, Rama., Ribad., Salv3).

8915 **nafrada 1** *adx.* Ver NAFRA 1 /8914. En Vilaxoán: *nafrado*. A nosa fonte escribe así pero coidamos que debe ser que se refería a un boi ou un becerro. (CReis2, Morga., Saiar, Vxoán).

8916 **nafrada 2** *adx.* [Vaca] cunha fractura da cadeira, polo que só serve para o matadoiro. (Noalla).

8917 **naufra** *adx.* Ver NAFRA 1 /8914. (Vil.).

8918 **necega** *adx.* Ver NECIA /8920. A nosa fonte dá como paroxítona esta palabra pero temos dúbidas de se non será proparoxítona. (Ben.).

8919 **necegada** *adx.* Ver NECIA /8920. (Mondo2).

8920 **necia** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido. (Caa., Cab., Cast., Ced., Cervá2, Ces., Consta., Crendes, Damil, Feás-A, Fre., Lago, Lagoa, Neda, Negra., Negral, Pade., Parga, Pena, Rábade, Vala., Vala1, Vmaior, Zolle).

8921 **néciga** *adx.* Ver NECIA /8920. (Ced., Lan.).

8922 **nefega** *adx.* Ver NECIA /8920. Temos dúbidas de se será *nefega* ou *néfega*, porque este colector nunca usa tiles ó presenta-las informacións que recolle. (Meir.).

8923 **négega** *adx.* Ver NECIA /8920. ¿Será un erro por *nécega*? (Oirán).

8924 **nencia** *adx.* Ver NECIA /8920. (Mel1).

8925 **panda 2** *adx.* [Vaca] que ten o terzo traseiro caído cara abaixo. (Común).

8926 **pandela 2** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Sende).

8927 **renga** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Grixó, Nove2).

8928 **respaldada 1** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Rib-S).

8929 **retorta** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (Sabu2).

8930 **torcida 2** *adx.* Ver RETORTA /8929. Exactamente escribe *trorcida*, o que damos por erro. (Macei.).

8931 **torta 2** *adx.* [Croca] afundida como consecuencia dun traumatismo. (Caban., Sende).

8932 **xémara** *adx.* [Vaca] cun cadril afundido. Aníbal Otero escribe *jemara*. (Burón, Piquín, Suarna).

8933 **xena** *adx.* Ver NECIA /8920. Aníbal Otero escribe *jena*. Eladio Rodríguez define *xeno* deste xeito: "Dícese de todo semoviente que tiene una cadera o un hombro más bajo que el otro". (Barre., ERG, Hos., Laxosa, Lugo1).

8934 ***hundido** *adx.* [Cadril] afundido. Castelanismo por *afundido*. (Fara).

8935 **baixa dun cadril** *loc. adx.* Ver BAIXA /8857. Piñe. e Vxoán. lematizan *baixa dun cuadril*. (Buga-A, Callo., Couso, Piñe., Vxoán).

8936 **caída dun cadril** *loc. adx.* Ver BAIXA /8857. (SComba).

8937 **co óso baixo** *loc. adx.* Ver BAIXO 1 /8859. O informante escribe *co o oso baixo*. (PSeca, PSil).

8938 **desnucada do cadril** *loc. adx.* [Vaca] cun cadril afundido a consecuencia dun golpe. (PCal2).

8939 **mainiña dun cadril** *loc. adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Bas., Couce., Rus, Valen).

8940 **mamiña dun cadril** *loc. adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Cer., Razo, Sofán).

8941 **maniña dun cadril** *loc. adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Arzón, Dum.).

8942 **meimiña dun cadril** *loc. adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Eixo).
8943 **meiniña dun cadril** *loc. adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Figue1).
8944 **meniña dun cadril** *loc. adx.* Ver MAINIÑA 3 /8901. (Baíñas, Cam1).
8945 **nacha dun cadril** *loc. adx.* Ver NACHA 1 /8914. (Figue2, Laraxe, Medín).
8946 **necia dun cadril** *loc. adx.* Ver NECIA /8920. (Anca, Com4, Leir-A).
8947 **amolecer 3** *v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Piñor).
8948 **anasar** *v.* Afundir [unha vaca] [un cadril] a consecuencia dun golpe. (Laxosa).
8949 **cortarse 2** *v.* Desconxuntárselle a cadeira [a unha vaca]. (Antas3).
8950 **crocarse** *v.* Ver ESCROCARSE /8968. (Culle., Fózara).
8951 **derrear** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver ESCADRILLARSE /8963. (ERG).
8952 **descadrillar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver ESCADRILLARSE /8963. (ERG).
8953 **descordarse 2** *v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Morga).
8954 **descrocarse** *v.* Ver ESCROCARSE /8968. (Arzón, Cam4, Cast., Cervá1, Cervá2, Com1, Com4, Lestón, Parga, Peroxa, Sabu2).
8955 **deslocarse** *v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Oliv).
8956 **desnocare** *v.* Ver DESNOCARSE /8957. (Gaxate).
8957 **desnocarse** *v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. Valad2 non o dá como pronominal. (Cerd2, Guil2, Mosen., Salv3, Valad2, Viso1, Viso2).
8958 **dexemarse 1** *v.* Afundírselle o óso da cadeira [á vaca]. (Burón, Per., Piquín, Sob., Suarna).
8959 **embrear** *v.* Ter dificultades [unha vaca] para move-los cadrís a consecuencia dun golpe. (Piquín).
8960 **embriagar** *v.* Baldarse dos cadrís [unha vaca]. (Piquín).
8961 **encrocarse** *v.* Ver ESCROCARSE /8968. (Com1, Noalla, Oroso2).
8962 **escadriarse** *v.* Ver ESCADRILLARSE /8963. (Gui.).
8963 **escadrilarse** *v.* Ver ESCADRILLARSE /8963. (Cod., Oirós, San.).
8964 **escadrillarse** *v.* Sufrir unha luxación ou fractura-los cadrís [unha vaca]. (Cab., Com1, ERG, Piquín, Razo, Toba).
8965 **escordillarse** *v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Camba).
8966 **escorocarse** *v.* Ver ESCROCARSE /8968. A nosa fonte defíneo como caer unha vaca e rompe-la croca. (Seix).
8967 **escranocarse** *v.* Ver ESCROCARSE /8968. (Valad1).
8968 **escrocarse** *v.* Desconxuntárselle a croca [á vaca] a consecuencia dun golpe. (Caa., Cab., Ced., Com1, Feás-A, Gui, Laxe, Mel., Nove., Razo, Vala. ILG: 129 (C:68, LU:30, OU:6, PO:24, GExt.:1)).
8969 **escroucarse** *v.* Ver ESCROCARSE /8968. (Car2, Dum., Val-LE).
8970 **escuadriarse** *v.* Ver ESCADRILLARSE /8963. Úsase tamén para persoas. (Piquín).
8971 **esmanzanarse** *v.* Ver DEXEMARSE 1 /8958. (Ped2).
8972 **esmazanarse** *v.* Ver DEXEMARSE 1 /8958. (Liñ).
8973 **esmazoarse** *v.* Ver DEXEMARSE 1 /8958. (Donís2).
8974 **esnacharse** *v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Conxo).
8975 **esneciarse** *v.* Derrearse [unha vaca] do cadril. (Muime1).
8976 **esnoucarse** *v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Vcova).
8977 **espiarse** *v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Aranga).
8978 **estrambolarse** *v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Carr-G).
8979 **nafrarse** *v.* Ver DEXEMARSE 1 /8958. (Meis).
8980 **torcerse** *v.* Afundírselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Carbal).
8981 **torser** *v.* Ver TORCERSE /8980. (Baíñas).
8982 **xenar** *v.* Ver DEXEMARSE 1 /8958. (Cha).
8983 ***escolar** *v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Incio).
8984 **baixa-la croca** *loc. v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. Realmente a nosa fonte escribe *baisar a croca* que é evidentemente un erro porque non se documenta tal despalatalización en Chantada. (Chan).
8985 **baixar un cadril** *loc. v.* Afundírselle a croca [a unha vaca] a consecuencia dun golpe. Piñor escribe *baixarlle un cadril*. (Carño2, Dozón, Piñor).
8986 **esmaghar a croca** *loc. v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. A nosa fonte escribe *esmajar a croca*. (Sofán).
8987 **estar roto da cruz** *loc. v.* Padecer un traumatismo na cadeira [un bovino]. (Xun2).
8988 **te-la croca baixa** *loc. v.* Te-la croca afundida ou torta [unha vaca] como consecuencia dun golpe. Realmente a nosa fonte escribe *baixa ter a croca*. (Cer.).
8989 **te-la croca rompida** *loc. v.* Ver TE-LA CROCA BAIXA /8988. (Lendo).
8990 **te-la croca torta** *loc. v.* Ver TE-LA CROCA BAIXA /8988. (Sende).
8991 **tronsarse d'atrás** *loc. v.* Torcérselle a croca [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Noal).

8.6.9.4. Rotura dun corno

Falamos tanto do desprendemento do corno, máis frecuente, coma da fractura, total ou parcial, do soporte óseo do mesmo. Estes accidentes ocorren tras golpes contra paredes, mangas ou outros obstáculos, caídas violentas, pelexas entre eles etc.

Cando se despega o estoxo córneo -o corno propiamente dito- da base ósea queda o sabugo ó descuberto, sangrante. Para solucionalo, untan a parte interior do corno con graxa e vólveno poñer no seu sitio, esperando que pegue (Arc1). Cando tronza o corno, a hemorraxia é intensa e cauterízano coa chavella do xugo ou cun ferro quente, ou poñen teas de araña para cortaren a hemorraxia (Arc1, Simes).

Normalmente, estes intentos por reimplanta-lo corno son infrutuosos, pois as máis das veces non chega a soldar, e ademais resultan perigosos polo risco dunha infección purulenta ou mesmo dun tétano. No caso de rotura, ó quedar ó descuberto a cavidade interior do corno, son moi comúns as infeccións dos seos nasais cos que aquela comunica.

8992 **partido** *adx.* [Corno] que tronzou por un traumatismo. (Grixoa, Medín).

8993 **de corno partido** *loc. adx.* [Vaca] que perdeu un corno por un traumatismo. (Medín).

8994 **descornarse** *v.* Ver ESCORNARSE 1 /8996. (ERG).

8995 **escornar 2** *v.* Romperlle un corno [a un animal]. (Drago).

8996 **escornarse 1** *v.* Rompe-los cornos [unha vaca]. *O boi ruín escórnase folgando* (ERG). (Burón, Drago., ERG, Feás-A, Foncu., Gun., Suarna).

8997 **escornecharse** *v.* Ver ESCORNARSE 1 /8996. (Sob).

8998 **esmoconar** *v.* Romper un corno [unha vaca]. Rivas Quintas (ERQ2) supón a existencia deste verbo en vista dos adxectivos *esmoconada*/ *esmoucada*/ *moquena*. (Cab2, Gui3).

8999 **esmonar** *v.* Crebarse a punta [de algo, coma tal, un corno], de tal xeito que queda *mono*, romo. (Toba, Ver1).

9000 **esmoucar 1** *v. Ú. t. c. prnl.* Partir [a res] un corno. *O boi cativeiro na corte s'esmouca* (VLLM). (Cou3, FBB, Hermi., JMP, Mra., VLLM).

O boi cativeiro na corte s'esmouca. (VLLM:1,147) [252]
O boi cativo folgando s'esmouca. (VLLM:1,146) [253]
O boi ruín escórnase folgando. (ERG:boi) [254]
O boi ruín, nin folgando se descorna. (ERG:boi)
O boiciño de Outes, que folgando escornouse. (VLLM:1,147) [255]
O ruín boi descórnase folgando. (ERG:ruín)
O ruín boi folgando na corte s'esmouca. (VLLM:1,150) [256]
O ruín boi máncase na corte. (VLLM:1,147) [257]
O que co demo anda, o boi se lle esmouca. (Viana5) [258]
Quen co demo anda, o boi se lle esmouca. (FBB:231) [259]
Quen co demo anda, os bois se lle escornan. (ERQ2:67)
Quen co demo ara, o boi se lle esmouca. (SOBREI) [260]

8.6.9.5. Rotura do rabo

Pode tratarse dun arrincamento -cando o extremo do rabo queda preso entre dous obstáculos- ou dunha fractura e posterior necrose por pisa-la parte libre do rabo, pero son máis frecuentes as fracturas e luxacións

[252] Conservámo-la grafía, neste caso e mais no rf. seguinte, xa que elidindo o e final do pronome parécenos menos irregular a anteposición do pronome átono; recólleo do sacerdote José Mª Quiroga. A E. Espasa comenta o equivalente castelán con estas palabras: *reprende á los que aparentan fatigarse ó se fatigan por poca cosa.* Variante: *O que non ten sorte, na cama se escalabra* (XLF2:54).

[253] Llópiz recólleo do sacerdote José Mª Quiroga.

[254] Díselle os que aparentan cansarse (ou se cansan mesmo) por pouca cousa.

[255] Outes onda Muros.

[256] Llópiz recólleo de José Mª Quiroga, sacerdote no Porriño.

[257] Llópiz: *se manca* que corriximos por supoñer manipulación na colocación dos pronomes, non infrecuente nel. Recólleo de A. Abelaira. *Mancarse* é unha palabra moi xenérica que non precisa nin o lugar nin a natureza da mancadura. Llópiz coloca este refrán á par doutro que di *s'esmouca* (que ten o valor de partir un corno), de onde parece deducirse que el entendeu *mancarse* como sinónimo de *esmoucarse*. Maiormente cando os dous proceden do mesmo informante (A. Abelaira).

[258] No texto: *esmôuca*.

[259] FBB: *Y viceversa: 'Quen con Deus anda hastra o vento lle apaña a leña'*.

[260] Localizado en Monforte. No texto: *boy*.

das vértebras coccíxeas por fortes golpes na pombela. Os malos tratos, as malleiras que ás veces sofren as vacas coa aguillada a mans de gandeiros fóra de control, poden ser causa deste accidente.

9001 **derrabada 3** *adx.* [Vaca] co nacemento do rabo afundido a consecuencia dun golpe. (Fol-LE).
9002 **derrabarse** *v. Ú. t. c. prnl.* Torcérselle o nacemento do rabo [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Cang2, Neves2).
9003 **dexemarse 2** *v.* Partírselle o rabo [ás vacas]. (Meira, Meira1, Mel1, San.).
9004 **espalumbarse** *v. prnl.* Ver ESPOMBELARSE /9005. Sorprende que a voz popular *espalumbarse* pareza conserva-la voz latina serodia *palumba* e que o óso ó que fai referencia corresponda ó que en castelán se coñece popularmente como *hueso palomo*, é dicir, o sacro. (Ibias2).
9005 **espombelarse** *v.* Rompérselle [ás vacas] a *pombela* -os ósos do nacemento do rabo- de xeito que lles queda torto ou caído. (Arroxo, Bolo, Burgo, Burón, Cod., Frei., Mez., Ped1, Peno., Piñei2, Piquín, Rib-S, Suarna).
9006 **baixa-la *cola** *loc. v.* Ver BAIXA-LO RABO /9007. (Vrei.).
9007 **baixa-lo rabo** *loc. v.* Torcérselle o nacemento do rabo [á vaca] como consecuencia dun golpe. (PSil).
9008 **rompe-la croca do rabo** *loc. v.* Torcérselle o nacemento do rabo [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Suevos).
9009 **te-la *cola baixa** *loc. v.* Ver BAIXA-LO RABO /9007. (PSeca).
9010 **torce-lo rabo** *loc. v.* Torcérselle o nacemento do rabo [á vaca] como consecuencia dun golpe. (Bas., CarbCo., Rus, Sabu3).
9011 **torse-lo rabo** *loc. v.* Ver TORCE-LO RABO /9010. (SComba).

8.6.10. Calosidades

Dáse o nome de *calo* ou dureza a unha induración da pel caracterizada por un engrosamento circunscrito da capa córnea da pel. Esta lesión prodúcese a consecuencia de rozamentos e presións repetidas e persistentes sobre certas rexións do corpo que teñen por base una superficie ósea, así que nos bovinos aparece con máis frecuencia na caluga, en contacto continuo co xugo, e nos xeonllos, polas rozaduras co chan ó se ergueren e deitaren apoiándose neles.

Este proceso empeza cunha inflamación, que abranda a zona, e culmina cun definitivo endurecemento da pel da zona rozada. Isto explica que, como veremos en 8.6.10.1., algunhas voces practicamente idénticas (*encolada, encolado; espescozar, espescozada*) refírense indistintamente a algún dos tres momentos do proceso.

9012 **calo** *s.m.* Dureza da pel producida por rozadura ou presión continuada dun corpo estraño. Barre. refíreo á dureza no pescozo causada polo xugo. (Barre., XER).
9013 **calosidade** *s.f.* Dexeneración da pel que dá lugar ó calo. (XER).
9014 ***callo 3** *s.m.* Ver CALO /9012. ERG e JMP defíneno como calo, sen máis explicacións. Tódalas outras fontes recólleno como calo no pescozo por cousa da rozadura do xugo. (Cang3, ERG, JMP, MCouso, Neves2, Nove2, Oliv., Rama., Rib-S, Ribe2, Zamáns).

8.6.10.1. Calo no pescozo

Os gandeiros de Caaveiro refregan o pescozo con auga fría e xabón que aínda non fora usado ou con mexo dun neno cativo (Caa.). En Vimianzo (Baíñas) refrégano con mexo ou salmoira. En Arcade (Arc1) utilizan a auga de ferve-los ourizos das castañas (a casca do castiñeiro e, suponse, o propio ourizo, contén tanino e polo tanto ten unha acción astrinxente).

En Casalnovo (Casal.) refregan a xugueira con *saín de lixa*: aceite de fígado do peixe lixa [261]; na Estrada (Estr3) e en Vilaboa-Valdoviño (Vi-Val.), con sebo de vaca. En Santaia cúrano con *saín* e fregas de salmoira (San. [262]).

[261] Con este nome ou o de lixa, denomínanse distintas especies de quenllas, peixes seláceos de pequeno tamaño, como a patarroxa ou o cazón, pola súa pel áspera que se utilizaba en substitución do papel de lixa. Tradicionalmente, os mariñeiros curan as feridas que se poidan producir co aceite obtido do seu fígado, moi rico en vitamina A, de propiedades protectoras da pel e mucosas, e ben apreciado en tódolos pobos costeiros.

[262] *Saín* emprégase tanto para denomina-lo aceite de peixe coma o pingo do porco. Non sendo Santaia localidade costeira, é probable que neste caso utilicen o segundo.

Cando a inflamación termina abrandando, pinchan a pel coa punta dunha navalla e meten na ferida un cadolo de hedra (un pau verde de hedra dobrado polo medio) para que drene (Cam1). Con esta operación, claramente antihixiénica, tentan facilitar unha saída ás secrecións ou materia que poida haber.

Falando do calo ou da ferida na caluga, presta le-los versos *Un boi e un becerro* de Francisco Mirás (16.1.).

9015 **amata** *s.f.* Calo que se forma no pescozo pola rozadura do xugo. O significado común de *amata*, coas variantes de *amatada*, *amatadura*, *matada* e *matadura*, é o de chaga ou ferida que se produce nas bestas polo roce dos aparellos. Resulta previsible que estas voces tamén se utilicen en moitos outros puntos de Galicia co mesmo significado pero aplicado ó gando vacún polo efecto do roce do xugo, pero só o temos testemuñado así nestas dúas localizacións. (Melias, Mez).

9016 **cachazo 4** *s.m.* Calo que se forma no pescozo pola rozadura do xugo. Noutras fontes temos recollido *cachazo* co simple significado de pescozo (Ve-lo apartado 2.3.11 no capítulo 2. *Exterior*). Tamén ten este significado xenérico en Mosen. e CTui, onde designan a xugueira inflamada como *cachazo hinchado* e *cachazo inflamado* respectivamente. (Bolo, Guil2, Peno., Salv3, Valad1).

9017 **caluga 2** *s.f.* Calo no pescozo que teñen as vacas que traballaron ó xugo. Noutras fontes temos recollido *caluga* co simple significado de parte superior do pescozo (Ve-lo apartado 2.3.11 no capítulo 2. *Exterior*). (Cam2).

9018 **canghadouro** *s.m.* Calo que se forma no pescozo pola rozadura do xugo. (Frei.).

9019 **carroleira 2** *s.f.* Calo que se forma no pescozo pola rozadura do xugo. (Busta).

9020 **carrueira** *s.f.* Ver CARROLEIRA 2 /9019. (Sabu2).

9021 **carruleira 2** *s.f.* Ver CARROLEIRA 2 /9019. (Ram.).

9022 **coiro 2** *s.m.* Calo que se forma no pescozo pola rozadura do xugo. (Sabu3).

9023 **colo 2** *s.m.* Calo que se forma no pescozo da vaca pola rozadura do xugo. *Colo*, como é natural, significa normalmente pescozo, pero os nosos informantes danlle agora o valor de "calo no pescozo". Parécennos máis en razón as voces que para designar esta patoloxía adxectivan a voz común *colo*: *colo duro*, *inchado*, *inflamado*, *malo*. (Beman., Caa., Cam4, Car2, Carb3, Cervá1, Cervá2, Ces., Conxo, Crendes, Cubi2, Culle., Damil, Fara., Laiosa, Lañas, Negral, Razo, Rus, Samos3, Sofán, Suevos, Vmaior. ILG (C:9)).

9024 **dureza** *s.f.* Calo que se forma no pescozo pola rozadura do xugo. (Bar-Co).

9025 **lastra 2** *s.f.* Calo que se forma no pescozo pola rozadura do xugo. (Bas).

9026 **lechino** *s.m. Ú. m. en pl.* Calo que se forma no pescozo pola rozadura do xugo. (Ram.).

9027 **mancada** *s.f.* Calo que se forma no pescozo pola rozadura do xugo. (Vrei.).

9028 **moleira 3** *s.f.* Calo que se forma no pescozo pola rozadura do xugo. (Alence, Lamas, Piñei2).

9029 **muleira 2** *s.f.* Ver MOLEIRA 3 /9028. (Porto).

9030 **mulida 2** *s.f.* Calo que se forma no pescozo polo roce do xugo. Nótese que a *mulida* é tamén esa peza de coiro ou pelica que se coloca entre o xugo e a caluga para protexer esta. (Codeso.).

9031 **nabo** *s.m.* Calo que se forma no pescozo polo roce do xugo. (PSeca).

9032 **palmoeira 8** *s.f.* Inflamación que se produce no pescozo dos bois. (CReis2, Lous., Pad1, San., Vcova).

9033 **palmueira 3** *s.f.* Ver PALMOEIRA 8 /9032. (Morai.).

9034 **pelmueira 3** *s.f.* Ver PALMOEIRA 8 /9032. (Cam4).

9035 **perilla 3** *s.f.* Calo que se forma no pescozo polo roce do xugo. (Enxames).

9036 **pescoceira 3** *s.f.* Calo que se forma no pescozo polo roce do xugo. (Cang3, PCal2, Xudán1).

9037 **ronce** *s.m.* Ver ROZADURA /9038. (Toba).

9038 **rozadura** *s.f.* Calo que se forma no pescozo pola rozadura do xugo. (Fol-LE).

9039 **rozo** *s.m.* Ver ROZADURA /9038. (San.).

9040 **sabañón 1** *s.m.* Inflamación do pescozo da vaca por cousa da rozadura do xugo. Algunhas das nosas fontes recollen a forma de plural *sabañóns* (Lagar., Sisán) ou *sabañós* (Fol-C, Ribad). (Cang3, Fol-C, Guil2, Lagar., Mour1, Noalla, Peroxa, Ribad., Sisán, Sou3, Vboa., Xeve).

9041 **talo 2** *s.m.* Ver CALO /9012. (Com1, Cur., Grixó, Noal, Noalla).

9042 **topa** *s.f.* Ferida que se produce na caluga do boi ou da vaca por cousa da rozadura co xugo. Esta voz lémbranos inevitablemente a *talpa* ou *talparia*, denominación castelá dunha inflamación tumefacta da caluga das bestas, producida polo roce continuado da cabezada ou por golpes repetidos contra o presebe. Trátase dunha bursite que, normalmente, remata infectándose e formando unha fístula con supuración permanente. Os nomes de *talpa* ou *talparia*, como o da nosa *topa*, parecen provir da semellanza coas galerías da toupa (*Talpa europaea*). (Drago., VGR).

9043 **traballo** *s.m.* Calo no pescozo que teñen as vacas que traballaron ó xugo. Nótese a translación da causa para denomina-lo efecto. (Cam2).

9044 **xogheira** *s.f.* Ver XUGUEIRA 1 /9048. Noia escribe *xojeira* e defíneo como "inflamación do xujo

da vaca". (Alla2, Noia, Oroso2, Ribad., Sende., Vnova2).

9045 **xogueira** *s.f.* Ver XUGUEIRA 1 /9048. (Com1, Vedra).

9046 **xugheira 1** *s.f.* Ver XUGUEIRA 1 /9048. (Anseán, Arca, CarbCo., Casal., Cerd2, Com4, Corb., Cruído, Cunt2, Dúas, Estr4, Fol-C, Gaxate, Lagar., Lampón, Mour1, Negra., Peroxa, Pre., Rendal, Rib-E, Sende., Sisán, Somo1, Tabor., Teo, Verdu., Viso1, Vxoán. ILG (C:30)).

9047 **xugho 3** *s.m.* Ver XUGUEIRA 1 /9048. A nosa fonte escribe *xujo*. (Vtose).

9048 **xugueira 1** *s.f.* Calo que se forma no pescozo do animal pola rozadura do xugo. *O traballo faille xugueira no colo* (Parade.). *Conta a señora María de Padrón que cando alguén mercaba un boi se xa tiña xugueira valía máis porque era sinal de que estaba amansado e afeito a traballar. Por iso había tratantes que aos bois novos lles daban cunha pedra ata que semellaban ter xugueira e podían vendelos ben… sempre houbo xente lista* (Carte3). (Carte3, Dozón, LG, Noalla, Nove., Parade., Piquín, Vala. ILG:66 (C:22, LU:24, OU:8, PO:11, GExt.:1)).

9049 **xugueiro 3** *s.m.* Ver XUGUEIRA 1 /9048. (Leir-A).

9050 **xungideira** *s.f.* Ver XUGUEIRA 1 /9048. (Ribó).

9051 ***morrillo** *s.m.* Ver XUGUEIRA 1 /9048. *Morrillo* é palabra castelá para designa-la parte alta e avultada da caluga dos bois e vacas, así como a carne procedente desta rexión. Non podemos asegurar que o informante non estivese nomeando a rexión en vez da dureza producida nesa zona polo xugo. (Borre.).

9052 ***murrillo** *s.m.* Ver *MORRILLO /9051. (Borre.).

9053 **colo duro** *s.comp.m.* Ver COLO 2 /9023. (Valen).

9054 **colo inchado** *s.comp.m.* Ver COLO 2 /9023. A nosa fonte escribe *hinchado*. (Pade.).

9055 **colo inflamado** *s.comp.m.* Ver COLO 2 /9023. (Damil).

9056 **colo malo** *s.comp.m.* Ver COLO 2 /9023. (Burgo).

9057 **mal da xugheira** *s.comp.m.* Ver XUGUEIRA 1 /9048. (TapiaC).

9058 **mal da xungueira** *s.comp.m.* Ver XUGUEIRA 1 /9048. (Enxames).

9059 **pulmoeira do pescozo** *s.comp.f.* Ver PALMOEIRA 8 /9032. (Laiosa, Macei.).

9060 ***callo da xugueira** *s.comp.m.* Ver CALO /9012. (Burela1).

9061 ***callo do cachaso** *s.comp.m.* Ver CALO /9012. (Randu.).

9062 ***callo do colo** *s.comp.m.* Ver CALO /9012. (Mira.).

9063 ***callo do xugho** *s.comp.m.* Ver CALO /9012. (Poulo, Vviño).

9064 **encertado 2** *adx.* [Pescozo da vaca] inflamado por cousa da rozadura do xugo. (Camba).

9065 **encetada** *adx.* Ver ENCOLADA /9066. (Oirán).

9066 **encolada** *adx.* [Vaca] á que se lle inflama o pescozo por cousa da rozadura do xugo. (Estr3, Vi-Val).

9067 **encolado** *adx.* [Pescozo] no que se forma un calo polo roce do xugo. Aínda que a fonte non o precisa, supoñemos que é adxectivo (*pescozo encolado*). (Lestón).

9068 **ensertada** *adx.* [Vaca] co pescozo inflamado por cousa da rozadura do xugo. (Nive).

9069 **espescozada** *adx.* [Vaca] co pescozo inflamado por cousa da rozadura do xugo. Lava. recolle *espescozado* supoñemos que referido a un animal macho. (Cadrón, Lava.).

9070 **inchada 2** *adx.* [Vaca] que ten o pescozo inflamado por cousa da rozadura do xugo. A nosa fonte escribe *hinchada*. (Fol-LE).

9071 **inchado** *adx.* [Pescozo da vaca] inflamado por cousa da rozadura do xugo. A nosa fonte escribe *hinchado*. Unimos nunha soa entrada as informacións recollidas en Mosen. (*cachazo hinchado*) e Lucí (*xugheira hinchada*), así como Buga-N que só nos dá o adxectivo (*hinchada*), sen que saibamos se se refire á caluga, á xugueira ou mesmo á vaca. (Buga-N, Lucí, Mosen.).

9072 **infectado 2** *adx.* [Pescozo da vaca] inflamado por cousa da rozadura do xugo. En Ben. aplícano á xugueira: *xugueira infectada*. (Ben., Xudán1).

9073 **infetada 2** *adx.* Ver INFECTADO 2 /9072. O noso informante lematiza *xugheira infetada*. (Lucí).

9074 **inflamado** *adx.* Ver INFECTADO 2 /9072. O noso informante lematiza *cachazo inflamado*. (CTui).

9075 **rabentada** *adx.* [Xugueira da vaca] inflamada por cousa da rozadura do xugo. A nosa fonte escribe *raventada*. (Medín).

9076 **amatarse** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. Ve-lo comentario a AMATA /9015. (Negra.).

9077 **axugueirar** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. (Antas3).

9078 **canghadourarse** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. *Cangadoiro* é a parte curva do xugo que apoia na caluga. (Frei.).

9079 **coller 6** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. A nosa fonte escribe *collerlle*. (CReis2, Saiar).

9080 **derramar 3** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. A nosa fonte lematiza *derramarse o pescozo*. (Carbal).

9081 **empolarse** *v.* Ver ENCOLARSE /9084. (Fre., Incio).

9082 **encallar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver ENCOLARSE /9084. En Neves2 é pronominal. (Estr4, Neves2).

9083 **encetarse** *v.* Ver ENCOLARSE /9084. (Burela1, Samos3, Vixoán).

9084 **encolarse** *v.* Inflamárselle ou inchárselle a caluga [á vaca] polo roce do xugo. En Leir-A non o dan como pronominal. Rus recolle a

forma *estar encolado*. Caa. recolle *encola-lo pescozo*. (Abadín, Barre., Caa., Cab., Com1, Cubi2, Estr4, Fara., Feás-A, Gui., Laxe, Leir-A, Meira2, Mira., Mondo1, Parga, Porto, Rábade, Razo, Rib-E, Rus, Vala1, Verdu. ILG (C:36)).

9085 **enconarse** *v.* Ver ENCOLARSE /9084. (Bolo, Cerd2, Peno.).

9086 **enfermar 2** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. As nosas fontes recollen *enfermar a xugueira* (Veste.) e *enfermarlle a xugheira* (Anseán). (Anseán, Veste).

9087 **enflemarse** *v.* Ver INFLAMARSE /9096. (Bar-Co).

9088 **esfolarse** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. (Piñe.).

9089 **espescozar** *v. Ú. t. c. prnl.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. En Com1 é pronominal. (Antas3, Com1).

9090 **incolarse** *v.* Ver ENCOLARSE /9084. (Culle).

9091 **inchar 2** *v. Ú. t. c. prnl.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. Buga-N, Oirán, Oroso1, Oroso2 e Valad1 escriben *hincharse*. Agrupamos tamén nesta entrada as informacións de Alla2 (*hincharse o pescozo*), Miñor2 (*hinchóulle o pescoso*), Sofán (*hincharse o colo*), Carr-C e Tab3 (*hinchar a xugueira*), Rendal e Figue2 (*hincharlle a xujeira*), Medín e Negr2 (*hincharse a xugeira*), Agro., Estr4, Figue1 e Viso1 (*hinchar a xujeira*) e Ortoño (*tar hinchado*). (Agro., Alla2, Buga-N, Carr-C, Casal., Com1, Conxo, Estr4, Figue1, Figue2, Grixoa, Medín, Miñor2, Negr2, Oirán, Oroso1, Oroso2, Ortoño, Rendal, Ribó, Sofán, Tab1, Valad1, Viso1).

9092 **inchouzar** *v.* Ver INCHAR 2 /9091. A nosa fonte escribe *hinchouza-la xugueira*. (Arme.).

9093 **infectarse 2** *v.* Ver INFLAMARSE /9096. O uso de *infectar* (e variantes) e *inflamar* como se fosen sinónimos para designa-la inflamación, neste caso, da xugueira da vaca pola rozadura do xugo merece unha puntualización, xa que o concepto de infección implica a presenza de xermes, cousa que non acontece nunha inflamación, que consiste nunha reacción dos tecidos caracterizada polos catro signos clásicos de calor, dolor, rubor e tumefacción, ante unha agresión mecánica (neste caso, o roce do xugo), química ou mesmo infecciosa. (Oliv).

9094 **infestarse 2** *v.* Ver INFLAMARSE /9096. (Dis., Laxosa, Negral).

9095 **infetar** *v. Ú. t. c. prnl.* Formárselle un calo na xugueira [á vaca] pola rozadura do xugo. CarbCo. recolle *infetar a xugheira*. Baíñas, Buga-A e Santi. recólleno como pronominal. (Baíñas, Buga-A, CarbCo.Santi.).

9096 **inflamarse** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. Agrupamos nesta entrada as informacións recollidas en Carño2 (*inflamárselle o pescozo*), Conxo (*inflamarse o colo*), Sabu3 (*inflamárselle a carruleira*) e Arca (*inflarse a xujeira*); neste último caso sospeitamos que sexa erro por *inflamarse*. (Arca, Bas., Caban., Carño2, Conxo, Gaxate, Mondo2, Sabu3, Verdu).

9097 **lastrarse** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. (Dum.).

9098 **mancarse** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. (Vrei.).

9099 **meinarse** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. (Covas).

9100 **rebentar** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. A nosa fonte escribe *reventar*. (Teo).

9101 **rozar 2** *v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. (Baltar, Rib-S, VFrore.).

9102 **coller o *callo** *loc. v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. (Rama.).

9103 **encalleser o sabañón** *loc. v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. (Sisán).

9104 **facer sabañón** *loc. v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] polo roce do xugo. (Callo).

9105 **facerse o sabañón** *loc. v.* Ver FACER SABAÑÓN /9104. (Lagar.).

9106 **rabentar o pescozo** *loc. v.* Ver REBENTAR O PESCOZO /9108. Agrupamos nesta entrada as informacións recollidas en Abe. (*raventar o pescozo*) e Sende. (*raventar a xojeira*). (Abe., Sende).

9107 **rabiare a xugheira** *loc. v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. (Pre.).

9108 **rebentar o pescozo** *loc. v.* Inflamárselle o pescozo [á vaca] por cousa da rozadura do xugo. Agrupamos aquí as informacións recollidas en MCouso e Somo1 (*reventar a xugeira*) e Randu. (*reventar o cachaso*). (MCouso, Randu., Somo1).

9109 **rozarse coa canga** *loc. v.* Ver ROZAR 2 /9101. A nosa fonte escribe *rozarse coa ganga* [sic]. (Fózara).

9110 **te-lo colo enfermo** *loc. v.* Ver TER O PESCOZO ENFERMO /9115. (Consta.).

9111 **te-lo pescozo derramado** *loc. v.* Ter [a vaca] o pescozo inflamado por cousa da rozadura do xugo. (Piñor).

9112 **te-los sabañóns** *loc. v.* Padecer [a vaca] un inchazo no pescozo como consecuencia de andar moito ó carro. (Sou3, Vboa).

9113 **ter a xugueira inchada** *loc. v.* Ter [a vaca] o pescozo inflamado por cousa da rozadura do xugo. A nosa fonte escribe *ter a xugueira hinchada* en Taboa. e *ter a xujeira hinchada* en Sende. (Sende., Taboa.).

9114 **ter caluga** *loc. v.* Te-lo pescozo inflamado [unha vaca]. (Cam2).
9115 **ter o pescozo enfermo** *loc. v.* Ter [a vaca] o pescozo inflamado por cousa da rozadura do xugo. (Anseán).
9116 **ter pulmoeira 2** *loc. v.* Ter [a vaca] o pescozo inflamado por cousa da rozadura do xugo. (Chan).
9117 **ter sabañón no pescozo** *loc. v.* Ver TE-LOS SABAÑÓNS /9112. (Cang3, Mour1, Noalla, Peroxa, Xeve).
9118 **ter traballo** *loc. v.* Ter [a vaca] o pescozo inflamado por cousa da rozadura do xugo. (Cam2).
9119 **ter un inchaso** *loc. v.* Ter [a vaca] o pescozo inflamado por cousa da rozadura do xugo. (Lampón).
9120 **ter vriño** *loc. v.* Ter [a vaca] o pescozo inflamado por cousa da rozadura do xugo. A nosa fonte escribe *ter briño*. (PSeca).

8.6.10.2. Calo nos xeonllos

9121 ***rodilleira 1** *s.f.* Calo no artello radio-carpiano que teñen as vacas que están en cortes modernas de cemento (*vacas cuadreras*). (Cam1, Com1, Gud., Laxe, Mez., Mra., Vil., Xun.).
9122 ***rodillera 1** *s.f.* Ver *RODILLEIRA 1 /9121. (Dum., Vala).

8.7. Patoloxía da reprodución

A seguir, falaremos dos transtornos relacionados coa reprodución. Se nos capítulos anteriores agrupabámo-las enfermidades por criterios etiolóxicos, agora farémolo atendendo a función que resulta afectada (a función reprodutiva) sen importar moito a causa á que se deba e incluímos neste capítulo enfermidades infecciosas, médicas e cirúrxicas que teñen en común a imposibilidade ou dificultade de empreñar, a de rematar con ben a xestación ou os transtornos do parto e do postparto.

8.7.1. Aborto

É a interrupción da xestación coa expulsión do feto, vivo ou morto. Pódese deber a diversos procesos infecciosos ou a alteracións hormonais, carencias nutritivas, traumatismos etc.

Para evitar que aborte unha vaca preñada por primeira vez, danlle de comer espigas de millo *con fillos*, é dicir, con espigas pequenas ó redor da principal (VLQ:316, XLRG:159): é un caso de terapia fundada na maxia simpática. Se aínda así, a vaca aborta, fanlle un lavado vaxinal con auga de macela, herba luísa e loureiro cun pouco de bicarbonato (Arc1) [263].

Ás vacas que malparen trátanas con coidado e danlle de comer caldo de carne, graxa etc. (Razo).

En Serantes (Tapia de Casariego), cando unha vaca aborta (*cuando se les presenta mal parto*), danlle sete ramallos de bieiteiro, de tres follas cada un [264].

9123 **abollo** *s.m.* Ver ABORTO /9125. (CP, ERG).
9124 **abortamento** *s.m.* Ver ABORTO /9125. (CP, ERG).
9125 **aborto** *s.m.* Proceso de expulsión prematura dun feto inviable. (Cod., Com1, Dum., ERG, Goián, Ped., Razo).
9126 **abroto** *s.m.* Ver ABORTO /9125. Inicialmente pensamos que esta voz era unha disgrafía, das que son frecuentes neste informante (*plumonia*, *dificultafes*, *meningitid*...) pero compróbase que esta metátese (*abroto* por *aborto*) tamén está presente noutras fontes: *abrotar* (Mora3, Nemán), *abrotarse* (ERG) e (vacas) *abrotadas* (Parade.:275). (Noalla).
9127 **espoltro** *s.m.* Ver FETO /9128. (Caa., Cab.).
9128 **feto** *s.m.* Produto da concepción expulsado no aborto. (ERG, Gud., Ram.).
9129 **lunanco** *s.m.* VGR defíneo como "feto de la res muerta". Chama a atención, nesta voz e maila seguinte, a diferenza que establece V. García Rey entre *lunanco* como feto -supoñemos que morto- obtido dunha vaca tamén morta, que é o que interpretamos da definición, e *lunato*, como cría abortiva da vaca, o que interpretamos como o feto produto dun aborto, e que obviamente tamén estará morto. Resulta estraño que exista unha forma diferente de

[263] Ver outros tratamentos nos apartados de *Esterilidade* e de *Vaxinite*.
[264] DA: 18. A información non especifica como se lle dá.

designar un feto segundo o estado, vivo ou morto, da nai. Tampouco ten sentido a hipótese de que *lunato* designe un feto dunha vaca e *lunanco* un feto doutra femia (el fala dunha *res muerta*). Ningunha outra fonte consultada nos dá máis información ó respecto, xa que non recollen esta voz. Si que o fai o DRAE, pero como adxectivo e cun significado que non ten nada que ver: "Aplícase a los caballos y otros cuadrúpedos, cuando tienen una anca más alta que la otra". Ver LUNANCA /8900. (VGR).

9130 **lunato** *s.m.* Cría abortiva da vaca. Ver LUNANCO /9129. (VGR).

9131 **malparto** *s.comp.m.* Ver ABORTO /9125. Ced., Mon, Ram., Vala escríbeno separado *mal parto*. (Ced., ERG, Mon., Per., Ram., Talla2, Vala).

9132 **abortado** *adx.* Nacido antes de tempo, cando o feto non é viable. (ERG).

9133 **abrotada** *adx.* [Vaca] que sufriu un aborto. (Parade.).

9134 **dañada** *adx.* [Vaca] que sufriu un aborto. (San.).

9135 **mal parida** *loc. adx.* [Vaca] que sufriu un aborto e perdeu a cría. (Noia).

9136 **abalar** *v.* Ver ABORTAR /9137. Nas voces quitadas das tesiñas do ILG, Cur. escribe *abalarse*. (Cur., Gui., Sob).

9137 **abortar** *v. Ú. t. c. prnl.* Expulsa-lo feto antes de que acade o seu completo desenvolvemento. Ctel1 dáo como pronominal. (Cod., Com1, Ctel1, Dum., ERG, Goián, Gud., Incio, Oirós, Ram., Sob).

9138 **abrotar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver ABORTAR /9137. Eladio Rodríguez precisa que na muller non se aplica *abrotar*, senón *malparir*, pero que no Ribeiro se utiliza *malparir* tanto para mulleres como para femias de animais. (ERG, Mora3, Neman).

9139 **amover** *v.* Abortar [un animal]. (Hermi.).

9140 **antepoñer 2** *v.* Abortar [unha vaca]. (Mel1).

9141 **dañarse** *v.* Ver ABORTAR /9137. (Com1, Cur., Gui.).

9142 **derramar 1** *v.* Ver ABORTAR /9137. *Cando unha muller tratou de abortar, dise que tratou de 'derramar'* (Loures.:149). (Loures., Razo, Ver1).

9143 **esmadrigar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver ABORTAR /9137. ERG aplica *esmadrigar* unicamente á muller pero seguidamente define *esmadrigarse* como "salirse la matriz por el ano, como sucede a veces a las vacas, gallinas y otros animales". (ERG, LG).

9144 **esmadroarse 2** *v.* Ver ABORTAR /9137. (LG).

9145 **espoltrar** *v.* Abortar [un animal]. Aínda que os dicionarios e vocabularios consultados aplican esta voz e mailas variantes *espoldroarse*, *espoltroarse* ou *espoltrexar* exclusivamente ás eguas (Eladio Rodríguez, Valladares, Aníbal Otero, Rivas Quintas, Franco Grande, Carré) temos información directa que testemuña que se aplica tamén ó aborto da vaca. Igualmente, certificamos ter oído esta palabra aplicada tamén ás mulleres. (Caa., Cab., Ced., Vala).

9146 **estragarse** *v.* Ver ABORTAR /9137. (Nove).

9147 **malparir** *v.* Ver ABORTAR /9137. (Común).

9148 **botar de perda** *loc. v.* Ver ABORTAR /9137. (SComba).

9149 **darse de perda** *loc. v.* Ver ABORTAR /9137. (PAre1).

9150 **despegarse a cría** *loc. v.* Abortar [unha vaca]. (Gro1).

9151 **estar dañada** *loc. v.* Abortar [unha vaca]. (San.).

9152 **quedar dañada** *loc. v.* Ter abortado [unha vaca]. (San.).

9153 **ter unha tripa colgada** *loc. v.* Padecer un proceso abortivo [unha vaca]. (Gond).

A unhos abórtanlle as vacas, a outros párenlle os bois. (Gud5:112) [265]

8.7.2. Anafrodisia

Consiste na ausencia total dos signos de celo, xeralmente a consecuencia da persistencia do corpo lúteo no ovario ou a quistes no mesmo, pero tamén pode ter causas anatómicas, hormonais etc. Adoita presentarse a consecuencia de deficiencias nutritivas (dietas desequilibradas ou alimentos en mal estado) e outros erros no manexo ou no aloxamento (cortes escuras, baixas temperaturas, escaso exercicio etc.). En todos estes casos prodúcese unha interrupción do ciclo ovárico e, ó non maduraren novos óvulos, non se segregan as hormonas responsables das manifestacións externas do celo.

Outra posible forma de falta de celo é a aciclia post parto. Normalmente, boa parte das vacas produce a primeira ovulación ós 15 días do parto pero adoita ser asintomática; ós 30 días do parto prodúcese unha segunda ovulación, xa con signos de celo, e uns 20 días despois (50 días post parto) unha terceira que, en condicións normais, debe ir acompañada de signos de celo evidentes. Por veces, unha atrofia ou outras alteracións dos ovarios ou disfuncións hormonais fan que se retrase o celo durante máis ou menos tempo, coas perdas económicas que iso comporta.

[265] No texto: *abortanlle*.



Camisa de cobra, remedio popular para que as vacas saian en celo.

A camisa da cobra, de ampla raigaña e aprecio na medicina popular [266], tamén se emprega nestes casos. Para que as vacas saian en celo collen a camisa dunha cobra e zapatilléana pola herba; despois levan a vaca a pacer alí (Gro2) [267].

9154 **machorra 1** *adx.* [Vaca] que non empreña porque non sae en celo. (Común).
9155 **marroa 2** *adx.* Ver MACHORRA 1 /9154. (Cam1).
9156 **marroeira 1** *adx.* Ver MACHORRA 1 /9154. (Saln.).
9157 **non darse en celo** *loc. v.* Non saír [unha vaca] en celo. *Ten ano e medio e aínda non se deu en celo*. (Dozón).
9158 **non pedi-lo boi** *loc. v.* Non mostrar [unha vaca] signos de celo. (Gond).
9159 **non saírse 2** *loc. v.* Non mostrar [unha vaca] signos de celo. (Gond).
9160 **non ter calor no celebre nin na matriz** *loc. v.* Ter [unha vaca] anafrodisia causada, segundo o noso informante, pola fame. Ver QUENTA-LA MATRIZ /9161. (Ctel1).
9161 **quenta-la matriz** *loc. v.* Mellora-la alimentación [dunha vaca] para estimula-lo celo. - *A vaca non se me sai*. - *Quéntalle a matriz por dentro*. (Ctel1).

8.7.3. Celos silentes

Se antes falabamos dunha ausencia total dos signos do celo, co nome de *celos silentes* ou *celo inaparente* designamos outra anormalidade do ciclo sexual consistente na levidade das manifestacións externas do celo, aínda cando o ciclo ovárico se desenvolva normalmente, o que trae consigo a imposibilidade de aprecia-lo momento ideal para a cubrición, coas consecuencias económicas de perda de ciclos e retraso na xestación. Coma no caso da anafrodisia, obedece a deficiencias nutritivas ou deficiencias no manexo.

[266] Aconsellábase ter sempre unha na casa e preocuparse de renovala tódolos anos. Xa Plinio e Galeno aconsellaban comer cobras como remedio de distintas enfermidades. A medicina popular galega recomenda a carne ou o *caldo de cobra* contra o tétano, a tose, a tose ferina, a tise, a tiña e a reuma, ou fregas de *unto de cobra* contra a reuma, pero é a *camisa* ou muda a que goza de maior predicamento non só como remedio contra diversas enfermidades senón como protector contra o mal de ollo. Non podemos deixar de recolle-lo testemuño do Dr. Casares Gil (A Coruña, 1892), citado por Llópiz, de que o *unto de cobra* nunca faltaba nas casas galegas e que mesmo se vendía publicamente nas feiras.

[267] Como xa veremos, a *camisa de cobra* tamén se emprega contra a tose das vacas, e nalgúns traballos de medicina popular galega pódese ve-lo seu emprego en infusión ou en po para o que eufemisticamente se designa como *transtornos propios da muller*, contra a reuma, a sarna ou as cagarrías.
Tomamos de Castroviejo (Ons:628) os seguintes tratamentos para a dismenorrea: *1. Cuando una mujer sufre cólicos menstruales se le da a beber agua colada de hervir piel de muda de culebra 15 minutos. 2. Tomar agua cocida y colada de piel de muda de culebra y excremento de gallina, que se prepara atándola alrededor de un palo con un cordel y rodeándola por encima con un paño que va sujeto al palo por otro cordel. Se deja hervir la mezcla un cuarto de hora y se cuela para tomarlo. Para acelerar el parto, la mujer debe tomar una infusión de piel de culebra cocida. Para que disminuyan los dolores del parto y acelerarlo se coloca alrededor del vientre de la parturienta una piel de muda de culebra.* Rodríguez López di que para *favorecer la expulsión de las secundinas es cosa muy recomendada dar a beber a la parturienta el caldo de piel de culebra* (JRL:141).

9162 **secreta** *adx.* [Vaca] que ten celos silentes e non se leva ó boi. (Mond2).
9163 **silenciosa** *adx.* [Vaca] que ten un celo que se lle aprecia pouco. (PAre1).
9164 **non demostrarse** *loc. v.* Non apreciárselle o celo [a unha vaca]. (Ver2).
9165 **non saírse 1** *loc. v.* Non apreciárselle o celo [a unha vaca]. (Gond).
9166 **te-la sazón encuberta** *loc. v.* Ver TE-LA SAZÓN MORTA /9167. (Saln.).
9167 **te-la sazón morta** *loc. v.* Manifesta-los signos do celo [unha vaca] tan débiles que non se aprecian. (CReis1, Cunt1).

8.7.4. Costro sanguinolento

Proceso a cabalo entre o fisiolóxico e o patolóxico, que consiste na secreción dun costro tinxido de sangue, cunha cor rosada máis ou menos intensa e que normalmente volve á súa cor normal ó cabo duns días sen necesitar tratamento ningún. Adoita presentarse en vacas primíparas ou en vacas adultas de alta produción de leite, e non se trata dunha verdadeira hemorraxia senón do paso dos glóbulos vermellos do sangue ó sistema canalicular do ubre (e, como consecuencia, ó leite segregado por este).

Coincide con ese edema mamario fisiolóxico que se presenta tralo parto, polo que remitímo-lo lector ó apartado 8.5.3. *Edema mamario*, onde poderá atopar máis información.

Non obstante, os gandeiros alármanse cando ven o leite tinxido de sangue e considéranо enfermidade ou, con máis frecuencia, ven nisto a intervención do meigallo e das envexas dos veciños. De feito, os únicos tratamentos que puidemos recoller van dirixidos a combate-lo meigallo con diferentes remedios. Así, os gandeiros moxen a vaca tres veces ó día, durante tres días seguidos, e botan o costro ó forno para rompe-lo meigallo e mata-la bruxa causante do mal (ERG:forno, JRL:202, XLRG:139). O problema é que deste xeito non só someten o ubre a un traballo excesivo senón que ademais privan ó becerro da protección inmunitaria que debe recibir co costro.

En Benquerencia din que *si o leite da vaca sale revolto pode esto ser debido a que unha veciña tivera envidia del e non dixera. Pra que o leite volva a compoñerse ai* [sic] *que botalo nunha tixela, poñelo derriba do *fuego e revolvelo dandolle paus coa intención de que os golpes son prá veciña. Ao outro día a vaca dara bon leite* (Ben.). Outro remedio é poñerlle á vaca no pescozo un rosario feito de dentes de allo (Loures.:81).

En Verín curan este meigallo facendo tres cruces na cruz das mans e outras tantas nas coxas cunha candea que alumease o Santísimo o día de Xoves Santo (Ver7:299).

En Castelaos (Calvos de Randín, Ourense) queimábase nunha encrucillada un moneco de palla representando a unha muller, para despois mallar a paus a cinza ata que esvaeza [268]:

> *Un día, yendo de un pueblo a otro un individuo, en el sitio en que se cruzan dos caminos, sintió un ruido como si estuviera un hombre matando a otro a palos. Cogió una estaca y se acercó para auxiliar al que estaba en el suelo, y vio que en el suelo no había más que un poco de ceniza... "¿Qué está haciendo ahí?", preguntó. Y le respondió: "Mire, señor, una vaca que tengo enfermó de mal de ojo, y, en lugar de darme leche, me daba sangre". El otro se rió, y el que daba los palos le dijo: "No se ría, que yo tampoco le creía en eso y ahora lo creo".*

Outro caso semellante, desta volta recollido en Maside (Ourense) [269]:

> *Mi padre, que es traficante, madrugó una mañana para ir a trabajar por su oficio a las aldeas. A unos cuantos kilómetros de la villa, en un sitio solitario en que se cruzan dos caminos, encontró una mujer tan afanada, que no lo sintió hasta que llegó junto a ella. Estaba amaneciendo y no se veía a nadie. La mujer, con un 'lareiro' (palo largo), daba golpes furiosos en una hoguera hecha en el medio y medio del cruce de los caminos, diciendo unas palabras que no se le entendían. Mi padre creyó que estaba loca y quiso saber lo que hacía. Aquella mujer tenía una vaca que hacía dos días, al ordeñarla, en lugar de leche le daba sangre. Ella se lo atribuyó al mal de ojo de un vecino de al lado, con el que estaba enemistada hacía tiempo. Consultó el caso con una comadre suya que le dijo: "Hay un remedio para ese mal. Coge una jarra de esa leche o sangre que da la vaca, y en el cruce de dos caminos, haces una buena lumbre con leña cogida antes de que amanezca, y cuando esté quemada, echas en ella la leche y, con una buena vara, le das golpes, diciendo: "Mal de ollo, ¡Arrenégote, demo!"; y aquello era lo que hacía.*

[268] VR3:88.
[269] VR3:89.

Outra forma de combate-lo mal de ollo, en Piñor de Cea, Ourense [270], consiste en botar na lareira un pouco do leite derramado (*botado a perder*) polo meigallo e mesturalo coa borralla. Logo hai que revolvelo todo cun pau e crese que tantos riscos se fagan na borralla, tantos rabuñazos aparecerán na cara da bruxa causante do mal. Outras veces abonda con bota-lo leite directamente no lume ou sobre a pedra quente para que a bruxa se sinta abrasada por dentro e veña inmediatamente a suplicar que apaguen o lume, devolvéndolle a saúde á vaca.

> *En Amoeiro, unha bruxa pedíulle a unha muller un pouco de leite emprestado, ela llo non deu, e a bruxa, en castigo, trocoulle o leite en sangue. A muller puxo en práutica o remédeo de pôr a fritir o leite trocado en sangue, e entón a bruxa pedíulle perdón, e ainda asina, estivo quince días cos dentes apretados que nonos podía despegar. E gracias, que si deixan a tixola no lume deica quedara sin leite, a bruxa morría [271].*

Caso semellante é estoutro recollido en Sober [272]:

> *A tía Xuana do Lameiro contoume o que sigue: "Certo día do mes das frores, veu certa muller do lugar pedirme un pouco de leite mais eu, que o necesitaba, non llo quixen dar. Mais ó ir munguil-a vaca, en vez de darme leite, empezou a soltar sangue. Fíxenlle unha cruz no lombo, boteille auga bendita y- ó momento deixou de soltal-o sangue. Púxenm'a ferver aquil leite, pra que se presentase elí a que m'embruxara a vaca e así socedeu, que ó pouco tempo preséntasem'a bruxa dicíndome que por Dios sacase o leite do lume, e que nunca me volvería a faguer ningún mal, y-asina o fixen".*

Risco estráñase da atribución ó mal de ollo da presenza de sangue no leite ó saber que é habitual a produción deste costro sanguinolento nas vacas acabadas de parir. Precisamente, escribe, a súa frecuencia debera facer que se tivese tamén por cousa natural. Así, conclúe que neste caso debe intervi-lo carácter máxico do sangue e, quizais, esa dobre afección que parecen te-las meigas polo leite (pois van de noite á corte a chuchar nas vacas) e polo sangue (meigas chuchonas).

Xa en Asturias, Luciano Castañón [273] recolle de Pérez de Castro o seguinte tratamento para esta enfermidade, que alí denominan *calenturazo*, e que evidencia de novo unha etioloxía maléfica:

> *Enfermedad de las vacas que manan sangre por la ubre. La terapéutica que le aplicaban, a veces tres o cuatro días, eran unos 'fumazos' compuestos por un cagajón de gallina, una cintura de pantalón, un diente de cerdo, un ajo, la suela del zapato del pie izquierdo y un puñado de garranchos [gromos, pólas] de saúco. Luego había que pasar la leche embrujada por el restrelo del lino, dejándola derramarse por el suelo, golpeando sobre ella con varas de saúco hasta que, a fuerza de hacerlo, éstas se rompiesen.*

9168 **lixo 2** *s.m.* Edema mamario postparto con produción de costro sanguinolento. Oroso2 descríbeo así: "Ubre acucao o Lixo: ubre azul y dura que echa sangre mezclada con leche". (Oroso2).

9169 **palmoeira 5** *s.f.* Edema mamario postparto con produción de costro sanguinolento. Ve-lo comentario á voz PALMOEIRA 1 /7474 no apartado 8.3.7.*Mamite*. Eladio Rodríguez recólleo en plural, *as palmoeiras*, e defíneas como: "Especie de infartos o tumores que aparecen en la ubre de algunas vacas paridas, y que cuando las ordeñan sale sangre en vez de leche". (Cast., ERG, XER).

9170 ***cobrillo** *s.m.* Ubre enfermo e duro que dá un costro sanguinolento. O noso informante en Caa. non define a enfermidade nin nos dá síntoma ningún. Tan só nos informa do tratamento: "Enfermedad de la ubre. Se cura aplicándole en la ubre leche cuajada haciendo la misma operación *n'a cruz dos cadrís*". Clasificámolo aquí porque en Cabalar nos dan *cobrillo* como "ubre enferma y dura que da sangre en lugar de leche". (Caa., Cab.).

9171 **acucao 2** *adx.* [Ubre] inflamado e duro que segrega un costro sanguinolento. (Oroso2).

8.7.5. Esterilidade e infecundidade

É a incapacidade das femias para procrearen unha vez alcanzada a puberdade. A diferenza entre *esterilidade* e *infecundidade* é máis didáctica que real ou, máis ben, unha graduación dunha mesma patoloxía: enténdese por *esterilidade* a incapacidade permanente da xestación e por *infecundidade* a incapacidade temporal, que pode superarse mediante os tratamentos axeitados, ou ben a incapacidade da femia de mantelo produto da xestación; é dicir, a vaca queda preñada pero non pode rematar con ben a xestación.

---

[270] VR3:89.
[271] AT:18.
[272] SPF: 17.
[273] LC:304. Cita a José Luis Pérez de Castro: "Contribución al vocabulario del bable occidental" en *R.D.T.P.*, 1955.

Nalgúns lugares non parece haber unha voz específica para designar esta incapacidade e utilízanse expresións descritivas coma *vaca que non empreña* ou *vaca que non pode parir*. Pero na maior parte das nosas localizacións hai a habitual variedade de designacións que reproducimos a seguir.

A mesma incapacidade para a reprodución pode darse no boi, pero os datos son tan escasos que habitualmente só se fala da esterilidade da vaca [274].

Si que recollerémo-la crenza de que a inseminación artificial produce machos estériles: *se son da semilla non valen para bois*. Esta crenza é errónea porque a obtención da cría por inseminación ou por monta natural non afecta a capacidade fecundante dese posible macho; a cría herda ó 50% as características da nai e do pai. Outra crenza, detectada na zona de Gondomar, é que a inseminación reiterada esteriliza a vaca (Gond.). Neste caso confúndese o efecto coa causa imaxinaria: a vaca ten ela algún problema no aparato reprodutor polo que ou non preña ou faino con dificultade e isto esixe reiteradas inseminacións -con ou sen tratamentos previos- para consegui-la xestación. Unha terceira crenza falsa é a de que a vaca inseminada non volve admiti-lo boi, é dicir, non acepta máis a monta natural.

Para estimula-la fecundidade naquelas vacas que saen ó boi regularmente pero non quedan preñadas, o que normalmente se fai é leva-la vaca ó boi renunciando á inseminación artificial, por teren máis fe *no natural* [275]. Se así tampouco queda, fan o seguinte:

- Danlle de beber un cuartillo de *caña* antes de cada salto e obrigan o boi a facer tres saltos (Cam1). En Dozón, O Irixo, Piñor e na contorna danlle, antes da inseminación, *auga de carabaña* [276] ou fanlle beber mesmo petróleo ou gasoil (Dozón).
- Danlle a beber unha botella de vinagre (Arc1).
- Danlle a comer un ramiño de diferentes herbas, entre as que sempre entran o romeu e a ruda (Dozón).
- Un gandeiro do Irixo dáballe ás súas vacas, antes de levalas ó boi, dúas claras de ovo batidas en aceite, asegurando que así *apañaban todas* (Dozón).
- Bótanlle un caldeiro de auga fría polo lombo (Arc1, Cam1, Gond., Dozón) ou unha bosta fresca (Dozón) antes ou despois –segundo os informantes- de que a cubra o boi ou de que o veterinario realice a inseminación. Outras veces, a auga fría bótana polas orellas (Arc1); en Dozón, fanllo así con auga bendita. Supoñemos que deste xeito se pretende estimula-la secreción hormonal para desencadea-la ovulación, pero non podemos esquece-la maxia da auga neste campo, representada, por exemplo, no baño das nove ondas na praia da Lanzada.
- Fanlle un corte na orella cun seixo para que sangre (*pra revolverlle a sangue*). Disque non pode facerse cunha navalla, senón que ten que ser cun seixo (Cam1, Dozón).
- Fanlle un lavado vaxinal con auga con bicarbonato (Arc1). O que fan é tentar de imita-lo que fai o veterinario, a quen llo ven facer nalgúns casos (cando a infecundidade se debe a unha vaxinite -onde si que hai acidez no limo vaxinal-, ou cando fai un lavado uterino nos casos de metrite), aínda que sexa con outros medicamentos que eles descoñecen e dos que non dispoñen nin saberían aplicarllos no útero.

Se a vaca sae en celo regularmente, cada 21 días, pero non queda preñada de ningún xeito, danlle de beber auga de ferver ruda (*Ruta graveolens* e *R. chalepensis*) quince días antes do celo seguinte, é dicir, antes de levala ó boi (Cam1 [277]).

Na Gudiña recollémo-la crenza de que as vacas que *andan ao boi* e non quedan preñadas, é porque lles naceron certas espullas na entrada da vaxina, cerca do meato urinario (cómpre dicir que non existen tales

[274] A maior parte dos bovinos machos sacrifícanse ó ano e só se crían moi poucos destinados á reprodución (algúns tamén para ceba) pero, se resultan estériles, inmediatamente se sacrifican. Por parte, os propios sementais, cápanse pasados poucos anos, xa que se volven intratables. Por todo isto, nunca se chega a sabe-la proporción de esterilidade masculina nos bovinos.

[275] Como en tantas outras cousas tamén aquí *o natural* resulta máis apreciado có *artificial* ou *sintético*.

[276] *Auga de Carabaña*: auga minero-medicinal extraída dun manancial situado no Cerro de Cabeza Gorda, en Carabaña, Madrid, de sona como tónico dixestivo e purgante, que a tradición local pretende que xa coñecían e estimaban os romanos.

[277] Trátase do consello dun asturiano ó noso informante. Certamente chama a atención que se use a ruda para conseguir que a vaca quede preñada, cando resulta máis coñecido o uso desta planta coa finalidade contraria, é dicir, como abortiva, por provoca-la contracción da musculatura do útero; igualmente, utilízase para provoca-la menstruación. De aí o refrán *Se a muller soubese/ a virtú da arruda/ buscal-a hia/ de noite á lua* (XTC1:113), crenza que observamos moi estendida: *Si la mujer supiera las virtudes de la ruda, iría a buscarla a la luna* (FQ:426), ou nesta copla recollida en Soria: *Si supiera la casada/ pa lo que es buena la ruda,/ madrugaría a buscarla/ aunque fuera con la luna* (EB3: 32-34).

espullas senón que o que consideran tal é realmente o clítoris). Cando sucede isto, un home que entende destas cousas por ter presenciado outros casos, talla esas espullas cun anaco de pedernal, sendo imprescindible facer sangue (Gud7:51-52). O mesmo remedio de estimula-la concepción facendo sangue no clítoris cun seixo inmediatamente antes da inseminación recollémolo en Dozón [278].

Xa entrando no terreo puramente máxico, sabemos tamén que para cura-la esterilidade das vacas lévanna por debaixo de certas pontes *para lles quita-lo airexo*, como o de Santo Paio, en Campañó (Pontevedra). E, se aínda así tampouco preña, póñenlle un cirio a san Antón ou danlle unha esmola a san Francisco (Arc1 [279]).

Convén facer algunha observación respecto ás voces que recollemos a continuación, procedentes dos arquivos do ILG.

O cuestionario do ILG incluía dúas preguntas algo ambiguas que produciron respostas ambiguas. A cuestión nº 63 preguntaba polas denominacións de *Vaca estéril*, e a número 73 por *Vaca non preñada (Valeira, Escódega, Manía)*. Témo-la sensación de que non tódolos colectores, filólogos de formación, souberon distinguir dous conceptos moi diferentes (en canto á causa e ás consecuencias) que o gandeiro distingue perfectamente.

Evidentemente, toda vaca estéril é unha vaca baleira, non preñada, pero non sucede así no caso contrario: non toda vaca baleira é unha vaca estéril, nin moito menos. En condicións normais, falando de femias que acadaron xa a puberdade, unha boa vaca que empreña tódolos anos, está baleira polo menos 4-5 meses despois do parto [280], e ninguén pode calificala como estéril nese tempo. Pero, se non se ten claro este feito, pódese caer no erro de recoller voces que non correspondan co estado fisiolóxico ou patolóxico que investigaba cada unha das dúas preguntas. Simplemente, segundo o momento en que faga a enquisa, obterá unha ou outra resposta.

As cousas complícanse aínda máis se consideramos outras dúas preguntas do mesmo cuestionario que se relacionan co que levamos dito: a número 74: *Vaca que deixa de dar leite (Musixa)*, e a número 91: *Deixar de dar leite unha vaca (Secar)*. No ciclo produtivo dunha vaca, o gandeiro procede ó secado da vaca ós 6-7 meses de xestación. A produción de leite nese momento é xa escasa e, en calquera caso, convén deixar que se recupere a estrutura glandular do ubre (sometido ó traballo de secreción de leite durante os meses precedentes, durante o período de lactancia) e que a vaca dedique todo o esforzo nutritivo e enerxético á formación do feto, moi esixente nos últimos 2-3 meses de xestación.

Esta fase de secado da vaca, este *deixar de dar leite*, práctica gandeira normal e necesaria, coincide co último período da xestación e non representa ningún estado patolóxico porque, como vemos, dáse nunha vaca fértil, preñada e sana.

Non obstante, atopamos tamén voces que xa se recolleran para designar vacas estériles ou baleiras, incluso na mesma localización.

Vexamos algúns exemplos para ilustrar esta confusión:

Pregunta	Resposta	Localización
63: Vaca estéril	**baldeira**	Pal.
	barrueira	SComba.
	berroeira	Lañas, Sofán
	berrueira	Covas.
	burrueira	Bas., Couce., Lestón, Razo,
	machorra	Común.
	marrúa	Arzón, Corb., Negr2, Pal.
	selleira	Carb3, Noice.
	ser un casco	Carr-C.

[278] Sendo posible que poidan aparecer verrugas na pel da vulva (que, en calquera caso, non afectarían para nada á capacidade reprodutora da vaca), o noso informante en Dozón asegúranos que a tal verruga é o clítoris; e constata ademais a práctica local de facelo sangrar por crer que a sangradura axuda á fecundación. Testemuña que na súa práctica de inseminación observou varios casos nos que a vaca, que el viña inseminar, presentaba restos de sangue fresco, indicio de que alguén realizara a tal sangradura antes de chegar el.

[279] Aínda que o informante non o especifica, debemos supoñer que se trate de san Francisco de Asís, santo avogoso dos animais e, como consecuencia, patrón dos veterinarios.

[280] A *Asociación de Criadores de Raza Rubia Gallega*, ACRUGA, calcula un intervalo entre partos medio de 409 días. Estimando unha xestación media en 270-280 días, quere dicir que está baleira entre 130 e 140 días, pero lémbrese que ese intervalo entre partos está calculado para vacas seleccionadas e ben alimentadas.

73: Vaca non preñada	**balera**	Fol-LE.
	barraeira	Baña2.
	casco	Couso, Estr4, Lagar., Morga., Tabor.
	estar de casco	Cunt2.
	en casco	Vnova2.
	libre	Mosen., Valad1.
	machorra	Rama.
	machurra	Guil2.
	maniña	Bar-Co.
	marrúa	arzón.
	senlleira	Suevos.
	xenlleira	Razo.
74: Vaca que deixa de dar leite	**casco**	Morga., Ribad., Saiar, Somo1, Vxoán.
	casco seco	Agro., Estr4.
	estar de casco	Cunt2.
	libre	borre.
	maniña	Bar-Co.
	selleira	Vmaior.
91: Deixar de dar leite unha vaca	**amachorrar**	Guil2
	pasar a ser machorra	Rama.

Mesmo cabería unha terceira interpretación a todas estas voces: ¿e se esa *vaca que deixa de dar leite* o fai a consecuencia dunha mamite –ou outra patoloxía- durante o período normal de lactación? Neste caso estariamos ante un proceso patolóxico e habería que clasifica-la voz noutro sitio, pero como ningunha das respostas non fan pensar en nada patolóxico preferimos non clasificalas alí.

Nin os informantes nin os colectores proporcionan normalmente dato ningún que nos poida axudar na clasificación destas voces, polo que, a risco de non coincidirmos co significado exacto que as fontes orixinais daban a cada voz, temos que ser nós quen o fagamos, seguindo diferentes criterios como a interpretación que outras fontes consultadas daban ás mesmas voces, ou semellantes, ou a nosa particular apreciación do matiz puramente descritivo ou máis ou menos negativo. En caso de dúbida, duplicámo-la voz nas dúas clases.

Así, como norma xeral e salvo que outros datos nos fixeran cambia-lo criterio, clasificamos como unha característica neutra (3.3.2) as respostas obtidas á cuestión *Vaca non preñada*; como un proceso fisiolóxico normal, rematando a xestación (7.4.4.2), as voces que responden á pregunta *Deixar de dar leite unha vaca*, por interpretalas como descritivas dun momento concreto do ciclo reprodutivo; e deixar aquí, co significado de *vaca estéril*, só aquelas que designan unha incapacidade patolóxica para a xestación.

9172 **boión** *s.m.* Ver MARONDA 1 /9201. *'Maronda', 'toura' ou 'boión' é a vaca que non empreña*. (Parade.:275).

9173 **maniñeza** *s.f.* Esterilidade. (LG).

9174 **marondón** *s.m.* Ver MARONDA 1 /9201. (Ced).

9175 **toura 5** *s.f.* Vaca estéril. ERG define como "vaca sin hijo, que no ha concebido". Xaquín Lorenzo distingue claramente: *A vaca primeiriza chámase 'xuvenca', e a estéril, 'toura'* (XLF:299). *'Maronda', 'toura' ou 'boión' é a vaca que non empreña* (Parade.:275). Nótese que os antigos romanos xa chamaban *taura* a unha vaca estéril, tal e como recolle o polígrafo Marco Terencio Varrón (*Quae sterilis est vacca, taura appellata*:"a vaca que é estéril, chámaselle toura") (*M. Terenti Varronis Rerum rusticarum de agri cultura*, 2,5). De aí procede a nosa palabra. (ERG, Lobe., Parade., XLF, XRMF4).

9176 **amachorrada** *adx.* Ver MACHORRA 2 /9189. (Gud., Gud5).

9177 **apretada 2** *adx.* [Vaca] estéril. (Razo).

9178 **baldeira 2** *adx.* A nosa fonte defíneo como vaca estéril. Non compartímo-la aparente confusión dos nosos informantes, porque normalmente por *baldeira* enténdese vaca que neste momento non está preñada, sen que tal situación teña necesariamente algo de patolóxico. Este é o significado máis usual e así se reflicte no número de localizacións da voz *baldeira 1* /4180. Outra cousa é que unha vaca estéril evidentemente tamén estará baldeira pero nela esta situación é permanente e aí está o carácter patolóxico. (Pal).

9179 **baleira 2** *adx.* A nosa fonte defíneo como vaca que continúa infecunda despois dunha inseminación. (Gond).

9180 **boeira 2** *adx.* [Vaca] estéril. (Dozón).

9181 **boieira 3** *adx.* [Vaca] machorra, estéril. Nótese que tamén se chama *vaca boieira* á vaca en celo. Pódese explicar esta aparente contrariedade polo feito de que moitos procesos que impiden ou dificultan a xestación (e que aquí relacionamos coa esterilidade ou infecundidade) se acompañan de signos de celo cunha periodicidade normal ou aumentada. (Carr-C, LG, Piquín).

9182 **capona** *adx.* [Vaca] estéril. En Piñor a nosa fonte descríbeo como "vaca non preñada". Supoñemos que esta denominación para unha vaca estéril algo terá que ver co concepto de *capada* (castrada) ou de *galo capón*. "A esterilidade do animal passa también a designá-lo, como em ... 'capona', vaca estéril" (DMA:119). (Carbal., DMA, Lamas, Piñor).

9183 **cinlleira 4** *adx.* [Vaca] estéril. (Rábade).

9184 **códega** *adx.* [Vaca] estéril. *Esta vaca saíu códega*. FMS di que tamén se aplica ás mulleres, ovellas e outras femias. (LG, Pont2).

9185 **escódiga 2** *adx.* [Vaca] estéril. (Vala1).

9186 **esmadroada 1** *adx.* [Vaca] que non empreña. O noso informante engade que escala no chan, cornea a parede e berra moito. Disque é por quedar mal dun parizo. (Cam1).

9187 **horra** *adx.* [Vaca] estéril. Eladio Rodríguez aplica esta voz "a la yegua, burra etc. que no pare". Por ese *etc.* incluímola como referida á vaca pero con evidentes reservas, porque esa palabra existe en castelán con este significado e só el a testemuña en galego; e, de existir en galego, quizais fose con efe inicial, cousa que tampouco documentamos. (ERG).

9188 **machona** *adx.* Ver MACHORRA 2 /9189. A nosa fonte defíneo como "vaca non preñada". (Piñor).

9189 **machorra 2** *adx.* [Vaca] estéril. Os nosos informantes dan *machorra* tanto para designa-la vaca que non sae en celo (para nós *machorra 1*) como para designa-la vaca estéril (para nós, *machorra 2*), nesta última acepción con moitas variantes: *amachorrada*, *machorreira*, *machorro*, *machurra* etc. Coidamos que, aínda que só sexa unha cuestión académica, cómpre diferencia-las dúas situacións, no sentido de que unha vaca que, pola razón que sexa, non sae en celo, non a levarán ó boi nin ó veterinario e, como consecuencia, non preñará. Para os efectos, é unha vaca estéril. Algunhas das nosas fontes (Ribad. e Alla2) definen *machorra* como "ubre seco", pero aquí cremos que caíron nun erro ó interpretar ó informante: unha vaca machorra é unha vaca estéril que, naturalmente, ten o ubre seco. Na Gudiña (Gud7) explican que se trata dunha vaca que non empreña ou que o fai de tarde en tarde. E en Per1 definen *machorra* como "vaca que non está de leite". (Común. ILG:65 (C:2, LU:11, OU:9, PO:40, GExt.:3)).

9190 **machorreira** *adx.* Ver MACHORRA 2 /9189. (CTui).

9191 **machorro** *adx.* Ver MACHORRA 2 /9189. É posible que a masculinización sexa intencionada coma en *boión*, *tourona* ou *ser un cabalo*. (Taboa.).

9192 **machurra** *adx.* Ver MACHORRA 2 /9189. (Gro1, Gro5, Guil2, Valad1).

9193 **madroa** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (CP).

9194 **maerna** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (Abe.).

9195 **malroa** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (Abe., Macei.).

9196 **malrúa** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (LG, Rois2).

9197 **maniña 2** *adx.* [Femia] estéril ou infecunda. CP defíneo como esterilidade temporal. O noso informante en Noalla defínea como "vaca sin preñar, con dificultades para la preñez". Pintos define así "se aplica a la vaca que no está preñada". Pero o *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina engade esta precisión sobre o manuscrito: [Riscado: *ni puede estarlo ya por ser vieja o muy llena de sebo*]. (Burela1, CP, ERG, Fol-C, Noalla, Oirán, Pont2, XERCG).

9198 **marloa** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (Troán1).

9199 **marlúa** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (Carño2, ERG, VFrore., XERCG, XLFG).

9200 **marnúa** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. Vcova, informante do mesmo concello que Lous., di *maruna*, voz que crea moitas dúbidas por semellar erro por *marnúa*. Respectámo-la fonte porque pode formar parte das denominacións de vaca estéril do tipo *maronda*, *marondón*, *marúa*, *maruíña* e similares. (Casal., Cruído, Lampón, Lous., Miñor2, Noal, Ribe1, Ribe2).

9201 **maronda 1** *adx.* [Vaca] estéril. Ver comentario a TOURA 5 /9175. (Caa., Cab., Camba, Car2, Ced., Cervá1, Cervá2, ERG, Estr3, Fri., Gun., Lago, Laraxe, LG, Meir., Mel1, Mon., Neda, Pantón, Parade., Per., Pravio, Santi., Vala., Vi-Val., Vilar, Vmaior, XER, Zolle. ILG (LU:16)).

9202 **marroa 1** *adx.* [Vaca] estéril. San. testemuña que tamén se chama *marroa* a vaca que se dedica ó traballo. *-Haber* [sic] *logho a marroa, achégase un tratante á rubia galega, mantida, que remoe no aire. -Pois non é marroa, señor, que está preñada de meses; mire que ben entende!* (XVP2:146). (Alla2, Anseán, Antas3, Aranga, Baíñas, Bolo, Cadrón, Chan., Com1, Cubi2, Dum., Dúas, ERG, Feás-A, Gui., Gui., Lagar., Laxe, Lava, LG, Mel1, MLP, Mon., Nove., Oirós, Parga, Penela, Peno., San., Sixto, Sob., Tab1, Toba, Vala1, VFrore., Xeve, XVP2. ILG (C:50)).

9203 **marroeira 2** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (Com1, Figue2, LG, Oroso2, Rus, Sofán).

9204 **marronda** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (Redo., San.).

9205 **marrúa** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (Arzón, Corb., Negr2, Pal).

9206 **marrueca** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (Oza).

9207 **marúa** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (Alence).

9208 **maruíña** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. (Fol-C, Gaxate).

9209 **maruna** *adx.* Ver MARROA 1 /9202. Ve-lo comentario a MARNÚA /9200. (Vcova).

9210 **maumiña** *adx.* Ver MANIÑA 2 /9197. *Meu queridiño Marcos: Saberás c'o vinteun baixei a Ourense c'angueira de ver si no feiral d'o Bellau vendía unha cría d'a miña Cereixa. ¡A condanada non saiu á nai! Era maumiña*. (Aleixos1:4).

9211 **moronda** *adx.* Ver MARONDA 1 /9201. En Estr3 definen como "vaca non preñada". (Arme., Estr3).

9212 **pouleira 1** *adx.* [Vaca] estéril. ERG dáo como s.f. Déixase *de poula* ou *en poula* (ou *de/en poulo*) a terra que non se labra nin se cultiva e Sarmiento di que probablemente a palabra procebe do latín *pabulum* "pasto", porque non se cultiva e queda para que pazan os animais. De aí pasou a aplicarse ás mulleres que quedan sen casar e sen fillos e, como se ve neste caso, tamén ás vacas que xa non dan crías (porque lles pasou o tempo de telos ou porque quedaron estériles) e que, en consecuencia, son *pouleiras*. (ERG, JMP).

9213 **seca 3** *adx.* [Vaca] estéril. En Tabor definen como "vaca non preñada". (Piñei2, Ribó, Sabu3, Tabor).

9214 **selleira 4** *adx.* [Vaca] estéril. (Carb3, Noice).

9215 **tourona 1** *adx.* [Vaca] estéril. Os nosos informantes Alla2 e Bidu. definen *tourona* como "vaca no preñada", pero o carácter despectivo desta voz debe ir máis aló que do simple feito de non estar preñada a vaca. (Agro., Alla2, Bidu., Buga-A, Com1, Lucí, Teo, XERCG).

9216 **touronda 2** *adx.* [Vaca] estéril. Sorprende esta denominación que xa tiñamos como "vaca en celo, que quere ó touro", para designar agora unha vaca estéril, pero pode te-lo seu por qué se reparamos en que unha vaca que está permanentemente en celo resulta infecundable. En calquera caso, este *touronda* pode se-lo resultado dunha mestura de *tourona* e *maronda*, dúas denominacións que tamén temos recollidas para unha vaca estéril. (Xudán1).

9217 **varraeira** *adx.* Ver VERROEIRA 1 /9219. A nosa fonte escribe "barraeira" e defíneo como vaca non preñada. (Baña2).

9218 **varrueira** *adx.* Ver VERROEIRA 1 /9219. A nosa fonte escribe "barrueira". (SComba).

9219 **verroeira 1** *adx.* [Vaca] estéril. As nosas fontes escriben as variantes desta palabra unhas veces con be e outras con uve. Para a grafía con uve podiamos pensar nunha denominación 'a contrario' da palabra *verrón* ("porco semental"): unha vaca estéril considérana masculina e, por iso tamén, machorra. Para a grafía con be cabe outra hipótese. Unha vaca é estéril por razóns diversas, entre elas pode ser que non quede preñada por ter corpo lúteo persistente, por infeccións vaxinais ou uterinas etc. Nestas situacións a vaca sae en celo, aínda que non quede preñada, e un dos síntomas do celo é un berro especial, frecuente e intenso. En consecuencia, resulta verosímil que, como berra tanto, o gandeiro denomine esta vaca estéril como vaca berrona e de aí *berroeira* e tódalas variantes. O VOLGa prefire a grafía con uve e por iso a seguimos. (Lañas, Sofán).

9220 **verrueira 1** *adx.* Ver VERROEIRA 1 /9219. (Covas).

9221 **verrughenta** *adx.* Ver VERROEIRA 1 /9219. A nosa fonte escribe *berrujenta*. Non nos parece que esta palabra proceda de *verruga*, porque unha vaca estéril non se caracteriza por ter *verrugas* ou espullas senón, entre outros síntomas, por berrar ou bruiar (e unha das variantes de *berrar* é *brugar*). Como a consideramos da familia da *verroeira*, lematizámola con uve. (Suevos).

9222 **vorroeira** *adx.* Ver VERROEIRA 1 /9219. (Lendo).

9223 **vurrueira** *adx.* Ver VERROEIRA 1 /9219. As nosas fontes escríbeno con be. (Bas., Couce., Lestón, Razo).

9224 **zorra 4** *adx.* [Vaca] que non empreña tan ben coma as outras. (Cam1).

9225 ***manilla** *adx.* Ver MANIÑA 2 /9197. (Caban).

9226 **amachorrar** *v. Ú. t. c. prnl.* Non quedar preñada [unha vaca] a pesar de levala ó touro unha e outra vez, resultar estéril. En Mez. é pronominal. Nesta voz e noutras da mesma familia comprobamos que para o gandeiro unha vaca que non empreña toma o valor dun macho. (Guil2, Mez).

9227 **machear** *v.* Ver AMACHORRAR /9226. (Ctel1, XAB1).

9228 **machorrar** *v.* Ver AMACHORRAR /9226. (Ver4, Ver5).

9229 **estar baldeira** *loc. v.* Continuar [unha vaca] infecunda despois de inseminada ou cuberta. (Común).

9230 **estar baleira** *loc. v.* Ver ESTAR BALDEIRA /9229. (Gond).

9231 **estar machorra** *loc. v.* Ser infecunda [unha vaca]. (Gond).

9232 **non quedar** *loc. v.* Continuar infecunda [unha vaca] despois dunha monta natural ou inseminación artificial. (Gond).

9233 **non quedar empreñada** *loc. v.* Ver NON QUEDAR /9232. (Gond).

9234 **pasar a ser machorra** *loc. v.* Ver AMACHORRAR /9226. (Rama.).

9235 **quita-lo airexo** *loc. v.* Tratamento máxico contra a infecundidade, que consiste en pasa-la vaca por baixo de certa ponte (Santo Paio,

en Campañó), sen que ninguén pase daquela por riba. (Pont.).

9236 **ser marimacho** *loc. v.* Ser estéril [unha vaca]. (Anca, Noal).

9237 **ser un cabalo** *loc. v.* Ser estéril [unha vaca]. (Ribó).

9238 **ser un casco** *loc. v.* Ser estéril [unha vaca]. No Salnés empregábano máis para describir unha vaca vella, que xa non empreña, non tanto como para falar dunha vaca estéril por enfermidade. (Carr-C, Saln5).

9239 **ser unha eira** *loc. v.* Ser estéril [unha vaca]. (Rus).

9240 **ser unha mula** *loc. v.* Ser estéril [unha vaca]. (Fara).

9241 **te-lo airexo** *loc. v.* Ser estéril [unha vaca] por supostas causas máxicas. Ver QUITA-LO AIREXO /9235. (Pont.).

9242 **ter maniñeza** *loc. v.* Ser estéril [unha vaca] ou, canto menos, non empreñar. *Se a femia non fecunda de ningún xeito, daquela dise dela que 'ten maniñeza', xa que 'maniñar' é o mesmo que manirse, melarse ou merarse; ou sexa, botarse a perder as froiteiras*. (LG:15.03.1998).

O que queira te-la fortuna torta, machee a vaca e femee a porca. (MVN2:99; EAG:25; XAB1:39; VS) [281]
Ós ricos empréñanlles os bois e ós pobres, as vacas machorras. (RCI:129)

Ofrecemento a Santa Mariña [282]

Din que a sorte axuda, pero Manoel de Lourenzo pouco lle ten que agradecere.

Ós poucos anos de casare con Carmela do Bubelo, a probe enfermou [283] e tivo que estare sete anos na cama tolleita, sin podere valerse por si soia.

Dionisia e Carmeliña, fillas de Manoel e Carmela, pouco lle podían axudar, pois eran mui pequechas.

Dimpois [284] de que Carmela estiricou [285] a perna, o Manoel traballaba día e noite pra criare as dúas fillas e desempeñare os cartos que pedira prestados prá enfermedá da Carmela.

As rapazas foron facéndose mozas e non sairon moi traballadoras que digamos. Dionisia fixose costureira e Carmela gobernaba a casa. Pro tanto unha como a outra o traballo non se lle apegaba, e menos o da labranza.

Ás festas [286] non faltaban, cantas romarías había na redonda alí se atopaban as dúas. Mozos tiñan dabondo.

Manoel criara unha becerra da vaca vermella [287]. O animal xa andivera ó boi catro ou cinco veces, pro nunca empreñaba.

Foi cando determiñou ofrecere a Santa Mariña a corda da vaca e dúas ducias de foguetes de palenque. Xa é sabido que a Santa é moi abogosa prós animais [288].

Como as desgracias nunca veñen solas, sin sabere de quen nin de quen non, Dionisia e Carmeliña apareceron co bandullo pra diante.

Os veciños decían que os foguetes...fixeran efeuto.

8.7.5.1. As *touras* romanas

Á primeira vista parece contraditorio denominar unha becerra co feminino do macho (*touro*).

En Roma chamábanlle touras (*taurae* ou tamén *taureae*) ás vacas estériles. O que non está claro é se eran estériles mesmo ou se simplemente eran aínda xovencas e, polo tanto, aínda non fértiles. De feito, nós si que tivemos ocasión de recoller esta denominación aplicada especificamente a becerras en 11 lugares, a

[281] MVN2: *te-l-a fortuna, pórca*. EAG: *tel-a fortuna*. XAB1: *ter a, machée, femée*. VS: *ter a*. *Machear* ten segundo M. de Cacheiro (Ctel1) o senso de levala ó boi e quedar machorra. EAG dálle outro significado, segundo se desprende da súa explicación: *El que quiera tener mala fortuna desee que la vaca dé más machos que hembras, y la cerda más hembras que machos*.

[282] MC:37. O conto aconteceu na Ponte do Porto, Camariñas.

[283] No texto: *enfermóu*.

[284] No texto: *Dimpóis*.

[285] No texto: *estiricóu*.

[286] No texto: *As festas*.

[287] No texto: *bermella*.

[288] No texto: *animáis*.

xovencas en 19 lugares [289] e a vacas adultas, sen matiz ningún de infecundidade, noutros dous informantes (ver no capítulo 2. *Exterior*, os apartados de *Becerra* (2.1.5.1), *Xovenca* (2.1.5.2) e *Vaca* (2.1.5.3.1)).

Na antiga Roma había uns Xogos Táuricos en lembranza dunha peste que houbera na cidade. Parece que duraban tres noites e neles sacrificábanse touras en honor das divindades infernais Plutón e Proserpina. Hai varias tradicións. Valerio Máximo di que tres fillos dun tal Valerio salvaron dunha misteriosa enfermidade despois de invocar seu pai a Plutón e Proserpina. Outros din que os xogos tiñan que ver cos Horacios e Curiacios. Servio, en cambio, di que en tempos de Tarquino o Soberbio houbera un andacio (que atacaba as mulleres encinta) provocado por Plutón e Proserpina irritados porque aquelas mulleres comeran carne dos touros dos sacrificios.

8.7.6. Febre vitularia

Consiste nunha paresia post parto producida por hipocalcemia (*paresia puerperal hipocalcémica bovina*), é dicir, por un descenso brusco dos niveis de calcio en sangue, por cousa dunha perda excesiva e rápida do calcio nas vacas de alta produción leiteira, que o eliminan co leite sen dar tempo a que poida ser reemplazado polos mecanismos normais de compensación [290]. Esta hipocalcemia orixina primeiro unha alteración do tono muscular e unha progresiva parálise da musculatura, que remata en insuficiencia circulatoria, dispnea, obnubilación da consciencia (carácter diferencial fronte a outros decúbitos post parto) ou mesmo coma total, e decúbito permanente, para concluír, en ocasións, coa morte do animal en 24-48 horas.

A pesar da denominación de *febre* vitularia esta doenza non produce febre senón que, ó contrario, produce un descenso da temperatura do corpo un ou dous graos por baixo do normal e un estado de somnolencia e aletargamento que os gandeiros describen graficamente do seguinte xeito: *as vacas caen e quedan como mortas* (Tui2); outros informantes describen situacións semellantes pero non podemos asegurar que se trate do mesmo. Os síntomas comezan cunha excitación inicial, pero despois dun tempo a vaca bambéase ata que perde o equilibrio e cae, non podendo erguerse por máis que o intente, ata que ó final permanece todo o tempo inmóbil e deitada, coa cabeza revirada sobre o corpo, mirando en dirección ó ubre. De aí a denominación de *vaca que mira ó veterinario*, pois un dos tratamentos empregados por este ata hai pouco consistía na insuflación de aire no ubre, hoxe desaconsellado, co obxectivo de interrompe-la secreción láctea. Nalgúns sitios atribúena a que a vaca *remanece dun enfriamento* (Gro4).

O único tratamento popular que temos recollido é darlle augarrás na cruz dos cadrís (Callo.), pero non sabemos que efecto pode ter.

9243 **enfriamento** *s.m.* Febre vitularia. Dámoslle este significado porque o informante nos dá esta voz nunha relación de "otras enfermedades del vacuno": "*Enfriamento*: vaca que queda varada (non se pode levantar) no paricio", descrición que se corresponde bastante ben cunha febre vitularia. Outro gandeiro do Grove utilizou esta mesma palabra non para designa-la enfermidade, senón como causa da mesma: *a parálise remanece dun enfriamiento*. (Callo.).

9244 **parálise** *s.f.* Febre vitularia. Resulta evidente que a parálise pode ser debida a diversas causas pero neste caso son os propios informantes, veterinarios clínicos os dous, os que recolleron este termo aplicado concretamente a esta enfermidade. (Cato., Gond.).

9245 **pasmo 2** *s.m.* Febre vitularia. A nosa fonte (Morga.) explica que é "enfermedad cuando está recién parida". Efectivamente, a vaca nesta situación está como pasmada. (Gond., Morga., Redo.).

9246 **vitularia** *s.f.* Febre vitularia. (Com1, LG).

9247 **febre da leite** *s.comp.f.* Ver FEBRE DO LEITE /9248. (Negra., Randu.).

9248 **febre do leite** *s.comp.f.* Febre vitularia. (Común).

9249 ***enfermedá das vacas do cura** *s.comp.f.* Febre vitularia. Disque é porque só eles tiñan vacas de alta produción de leite. (Cato.).

9250 ***fiebre lechera** *s.comp.f.* Ver FEBRE DO LEITE /9248. (Ribe2).

9251 **caída** *adx.* [Vaca] con febre vitularia. Úsase este termo porque efectivamente túmbase e non se dá erguido. (Cerd., Gro4).

[289] En Baltar, Ourense, queda moi claro cando describen esa idade comprendida entre a xovenca e a vaca adulta, xa fértil e apta para a reprodución, coa locución *Estar de toura pra vaca*.

[290] Demostrouse que unha vaca en total lactación elimina diariamente no seu leite unhas doce veces a cantidade de calcio presente no sangue, provocando unha hipocalcemia (e hipofosfatemia) que se ha de compensar coa absorción intestinal destes elementos e coa mobilización dos mesmos a partir dos ósos. Pero se a inxesta ou as reservas orgánicas non son suficientes, unha produción láctea elevada acaba axiña con elas e aparece a enfermidade. Dáse sobre todo entre o terceiro e o quinto parto e o máis normal é que se presente no segundo ou terceiro día despois do parto.

9252 **tirada** *adx.* Ver CAÍDA /9251. (Saln.).
9253 **caerse de atrás** *loc. v.* Padecer unha vaca unha febre vitularia. Úsase esta expresión porque efectivamente túmbase de atrás. (Gond).
9254 **dar un paralís** *loc. v.* Padece-la febre vitularia [unha vaca]. (Ctel1).
9255 **mirar ó veterinario** *loc. v.* Padecer [unha vaca] a febre vitularia. Dise así porque ten a cabeza revirada para atrás, cara ó ubre, onde se colocaba o veterinario para aplica-lo tratamento. (Baña, Negr.).
9256 **subirse o parto á cabeza** *loc. v.* Enfermar [unha vaca] de febre vitularia. Póñense somnolentas, inconscientes e incluso a respiración é difícil de notar. (Común).
9257 **te-la febre do leite** *loc. v.* Padece-la febre vitularia [unha vaca]. (Común).
9258 **te-la parálise 1** *loc. v.* Padece-la febre vitularia [unha vaca]. (Cato., Gond).
9259 **te-lo pasmo** *loc. v.* Padece-la febre vitularia [unha vaca]. (Gond., Redo.).
9260 **tumbarse e non levantarse** *loc. v.* Padecer [unha vaca] a febre vitularia. (Gond.).

8.7.7. Hemorraxia cérvico-uterina

As hemorraxias no tracto uroxenital son unha patoloxía infrecuente que só aparece tras manobras obstétricas inexpertas ou especialmente traumáticas. Si que se pode observa-la expulsión de líquidos sanguinolentos procedentes do útero (metrorraxia) ou presenza de sangue tinguindo os limos vulvares ó remata-lo celo (fenómeno este último que non ten carácter patolóxico ningún).

Máis frecuente é a expulsión dunha urina escura, que pode semellar que conteña sangue. É a chamada *hemoglobinuria puerperal*, un accidente metabólico propio das vacas de alta produción leiteira e que consiste nun desequilibrio mineral con merma da proporción de fósforo no sangue e que cursa cunha hemólise grave coa conseguinte anemia, hemoglobinuria e febre alta. O curso é rápido e pode ser mortal. Os primeiros síntomas aparecen ós 15 días do parto, máis ou menos, e entre eles destaca a aparición duns ouriños escuros, coma o coñac, pola presenza de hemoglobina -o pigmento do sangue- que vai escurecendo cada vez máis á vez que aumenta o número de miccións.

Tamén poden aparecer hemoglobinurias de orixe alimentaria, independentes do parto, debidas á inxestión de grandes cantidades de auga (nos becerros) ou ó consumo de forraxes hemolíticas (coma as follas de remolacha).

9261 **derramarse** *v.* Sufrir [unha vaca] unha hemorraxia uterina. A colectora da información anota o que lle di o informante como *metrorragía*. Nesta e noutras definicións desta mesma colectora aparecen sorprendentes tecnicismos que é difícil imaxinar na boca dun gandeiro e que ou se deben á súa formación técnica ou ó asesoramento dun veterinario (Noalla).
9262 **derramarse en sangre** *loc. v.* Ver LIMARSE EN SANGUE /9263. (PAre1).
9263 **limarse en sangue** *loc. v.* Botar un limo sanguinolento [unha vaca]. (Gond.).

8.7.8. Hermafroditismo

Trátase dunha anomalía sexual caracterizada pola presenza no mesmo individuo de tecido funcional das glándulas xenitais de ámbolos sexos (hermafroditismo verdadeiro, moi pouco frecuente) ou pola aparición dos caracteres sexuais secundarios propios do sexo oposto (pseudohermafroditismo). Máis frecuente nas femias nacidas dun parto xemelar no que o outro feto é masculino (*free-martinismo*), tamén se pode presentar en partos únicos.

9264 **manflorita** *adx.* Ver MANFRODITA /9265. Nalgúns lugares de Pontevedra chaman *manfloros* ós homes homosexuais. O DRAE recolle esta voz aplicada ós homes: "Dícese del hombre afeminado". O noso informante de Ancares2 recólleo, baixo a forma *manfloritu* noutras zonas, e así, en Aller (Asturias), a vaca en celo "*anda tora* o *tueya*, a no ser que sea *manfloritu* (no manifieste sexo)" (Ancares2:195). Tamén en Andiñuela (León) e referido ás ovellas ou cabras en celo "*anda caliente*, excepto el *manfloritu*, hermafrodita" (Ancares2:201). (Arc1).
9265 **manfrodita** *adx.* [Vaca] hermafrodita. (Común).

8.7.9. Metrite

Consiste nunha inflamación do útero debida sempre a procesos infecciosos como consecuencia de retención de secundinas, partos distócicos nos que a manipulación non se fixo coas precaucións hixiénicas necesarias, feridas obstétricas ou prolapsos de útero ou de vaxina.

Acompáñana sempre febre alta, inapetencia e descenso na produción de leite (que ademais presenta coágulos ou calla con facilidade), pero o seu maior perigo consiste nunha septicemia ou outras complicacións secundarias, ás veces de prognóstico fatal. Se aparecen no postparto, as metrites acompáñanse case sempre dun retraso na involución do útero, con fluxo vaxinal anormal, moitas veces cunha mucosidade purulenta e cheirenta. É causa frecuente de infertilidade [291], ó impedi-la implantación do óvulo, e con moitísima frecuencia remata provocando unha esterilidade permanente.

9266 **manchada** *adx.* [Vaca] que ten fluxos como consecuencia dunha vaxinite ou unha metrite. *A vaca está sempre manchada*. (Gond.).

9267 **andar saída cada** + (núm.) + **días 1** *loc. v.* Presentar [unha vaca] celos anormalmente frecuentes por cousa dunha metrite. (Gond.).

9268 **botar vasura fóra** *loc. v.* Ter [unha vaca] unha emisión anormal de fluxos pola vulva. (Gond.).

9269 **dar un lavado** *loc. v.* Facerlle [á vaca] un legrado químico uterino como tratamento da metrite. (Gond.).

9270 **estar infectada** *loc. v.* Ter unha metrite [unha vaca]. (PAre1).

9271 **estar sucia** *loc. v.* Ter unha metrite [unha vaca]. (PAre1).

9272 **manca-lo boi á vaca** *loc. v.* Padecer [a vaca] unha infección vaxinal ou de matriz, botando unha serosidade sanguinolenta despois de ser cuberta polo boi. (Gond.).

9273 **te-lo rabo sempre manchado** *loc. v.* Padecer [unha vaca] unha metrite. (Gond.).

8.7.10. Ninfomanía

Estado permanente de celo debido a unha excesiva produción de estróxenos no ovario, responsables das manifestacións externas de celo, a causa, xeralmente, de quistes foliculares indehiscentes. Trátase de folículos ováricos que se desenvolven sen chegaren a madurar e sen romperen e liberaren o óvulo. A orixe destes quistes é diversa.

A ninfomanía caracterízase por un estado de nerviosismo e axitación intensa, con incremento do impulso sexual, que aumenta de celo en celo, acortándose os intervalos entre eles, ata rematar nun estado continuo de desacougo no que a vaca chega a montar noutras vacas, baixa a produción de leite, reláxanselle os ligamentos da base do rabo etc.

9274 **boieira 1** *adx.* [Vaca] que non empreña e que anda saída tódolos días. (Común).

9275 **lueira 2** *adx.* A nosa fonte defíneo como "vaca que sale al toro todos los nueve meses". Por analoxía cos adxectivos *aluada*, *lunádega* e co refrán que fala da *vaca lueira* pode tratarse dunha vaca que sae en celo en tódalas lúas, como consecuencia dunha ninfomanía (ou outras enfermidades que impiden que quede preñada). O sentido básico do refrán que fala da vaca lueira é negativo: *nin na casa nin na feira*. Non nos parece posible que, por moi fértil que sexa, saia en celo cada nove meses, porque a xestación xa dura ese tempo; e aínda lle hai que engadi-lo tempo que pasa entre o parto e o celo seguinte. (Tab., VS).

9276 **lunádega** *adx.* [Vaca] que sae ó boi tódalas lúas. (Piñ2).

9277 **machorra 3** *adx.* Ver VERRUEIRA 2 /9279. (Ctel1).

9278 **manighota** *adx.* Ver VERRUEIRA 2 /9279. (Ctel1).

9279 **verrueira 2** *adx.* [Vaca] que quedou lastimada do boi e que se comporta como un boi do posto: urra, escarva e bótase. O informante cóntanos isto: "Hai vacas que van ó boi e ó mellor quedan lastimadas por dentro e, ó non curalas no seu tempo, despois quedan co útero cerrado e montan nas outras (pero non permiten que as monten a elas). Teñen os mesmos feitos do boi do posto: urran, bruian, escarvan no chan. Fano co vicio. Asta poden saltar muros e tirar con muros de pedra. E, se se quere, teñen o celo diario". Engade que esta palabra é máis fina

[291] Nun estudo sobre as causas da infertilidade comprobouse que, se en vacas cun útero normal a taxa de concepción media oscila ó redor do 70%, en vacas cunha metrite leve descende ata un 50% e, cunha metrite grave, ata un 7%.

cás sinónimas *machorra* e *manighota*. (Ctel1).

9280 **andar saída cada** + (núm.) + **días 2** *loc. v.* Saír en celo [unha vaca] cunha frecuencia maior cá normal. (Gond.).

9281 **ser un putón** *loc. v.* Ser estéril [unha vaca] posiblemente a consecuencia dunha ninfomanía que cause un estado de celo permanente. (PSil).

9282 **ser unha puta** *loc. v.* Ver SER UN PUTÓN /9281. (Alence, Samos3).

Vaca lueira, nin na casa nin na feira. (VS)

8.7.11. Parto distócico

Enténdese por parto distócico todo aquel que non corre normal e que precisa axuda para que remate felizmente. Pódese deber a problemas da nai: unha pelve estreita (causa que o fai máis frecuente nas primíparas), tamaño reducido da vaxina ou da vulva, torsións uterinas etc.; pero tamén se pode deber a problemas do feto, ben sexa por un tamaño excesivamente grande do becerro, ben sexa por presentacións ou posicións anormais do feto, xestacións ectópicas, xestación xemelar etc. Outras causas que poden determinar unha distocia poden se-la debilidade extrema ou o esgotamento da femia.

Como vemos, trátase máis ben dun accidente de carácter físico no que existe algún obstáculo para o progreso normal do feto polo conduto obstétrico. Por veces, estes obstáculos son subsanables mediante distintas manipulacións que realiza directamente o gandeiro ou un veciño con certa experiencia en *librar* vacas, ou, cando así non se resolve, chamando polo veterinario. Estas manipulacións consisten en recoloca-lo feto ou as súas extremidades, se a dificultade se debe a presentacións distócicas, acompañado de traccións dirixidas e coincidentes cos puxos da vaca. En casos extremos pode ser necesario decidirse por unha operación de cesárea ou, se xa se produciu a morte fetal, unha fetotomía.

9283 **coxa 4** *adx.* [Vaca] que coxea a consecuencia dun parto distócico. (Gond.).

9284 **tumbada** *adx.* [Vaca] caída a consecuencia dun parto distócico. (Gond.).

9285 **librar 3** *v.* Axudar [unha vaca] a parir cando presenta un parto distócico. (Gond.).

9286 **tirar** *v.* Ver LIBRAR 3 /9285. (Gond.).

9287 **andar coxa 2** *loc. v.* Coxear [unha vaca] como consecuencia dun parto distócico. (Gond.).

9288 **te-la parálise 3** *loc. v.* Estar [unha vaca] tumbada por cousa dun parto distócico. (Arca, Pont.).

9289 **te-lo *calambre** *loc. v.* Coxear [unha vaca] ou custarlle erguerse despois dun parto distócico. Din que "remanece do parto". (Gro4).

8.7.12. Prolapso de matriz

Consiste na inversión e expulsión do útero a través da natura. Ordinariamente débese a partos moi laboriosos e á atonía uterina posterior que aparece como consecuencia dos esforzos realizados. Trátase dun accidente grave e de moi mal prognóstico, que require case sempre a presenza do veterinario para a súa solución, pero en Arcade (Arc1) os gandeiros que intentan arranxalo pola súa conta puxan a matriz co coiro do xugo.

En Hermisende recorren a tratamentos máxicos: colocan os bigotes dunha lebre sobre a matriz prolapsada e esperan a que se recolla; ou ben afuman o órgano co fume do aceite que botan nunhas brasas (Hermi.).

9290 **esmadrigada** *adx.* Ver ESMADROADA 2 /9291. (Sou2).

9291 **esmadroada 2** *adx.* [Vaca] con prolapso útero-vaxinal. (Común).

9292 **abocar 2** *v.* Padecer un prolapso de matriz [unha vaca]. A nosa fonte escribe *abocárselle*. Baixo a forma *aboca-la madre* témolo rexistrado en Noalla3, pero a información que nos deu o gandeiro, máis completa cá de Viso1, do que só témo-la voz en resposta ó cuestionario do ILG, permítenos clasificalo como prolapso de vaxina. Pode ser que tamén estea falando do mesmo o informante de Viso1 pero non o podemos asegurar. (Viso1).

9293 **abotar** *v.* Padecer un prolapso de matriz [unha vaca]. (Caban).

9294 **deslimarse** *v.* Padecer un prolapso de matriz [unha vaca]. (Fózara).

9295 **desmacharse** *v.* Padecer un prolapso de matriz [unha vaca]. ¿Erro por *desmadrarse*? (Vrei.).

9296 **desmadrarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Verdu., Vil.).

9297 **desmadroarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Cunt2, Vrei.).

9298 **desmatrizarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Oliv).

9299 **esmadorarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. ¿El non será unha errata precisamente por *esmadroarse*? (Camba).

9300 **esmadrarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Aranga, Leir-A, Mour1, Vilar).

9301 **esmadrearse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Ben., Burela1, Ced., Oirán, PCal2, Peroxa).

9302 **esmadriarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Fre., Per., Vala).

9303 **esmadrigarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. Lémbrese que para ERG, *esmadrigar* significaba abortalas mulleres. (Común).

9304 **esmadrigharse** *v. prnl.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. A nosa fonte escribe *esmadrijarse*. Só Couso o recolle como non pronominal. (Agro., Anseán, CarbCo., Cerd2, Couso, Fol-C, Somo1, Tab1, Teo).

9305 **esmadroarse 1** *v. prnl.* Padecer [unha vaca] un prolapso de matriz. Vala1 úsao como non pronominal. LG define *esmadrigarse* ou *esmadroarse* como "abortar ou saírlles a matriz polo ano". Non sabemos se confunde un aborto cun prolapso de matriz -dúas patoloxías evidentemente diferentes- ou se utiliza aquelas voces para designa-los dous procesos. En calquera caso, cómpre advertir que no prolapso de matriz esta non sae polo ano senón pola vulva: a afirmación errónea aparece por primeira vez en Valladares (MVN) e inadvertidamente reprodúcena Filgueira (XFV2) e Eladio (ERG). (Burón, Caa., Cab., Ced., Com1, Dum., ERG, Feás-A, Gui., Gun., LG, Mel1, Mon., Nove., Oirós, Parade., Ped1, Piquín, Ram., Saln., Sete-L, Sob., Suarna, Toba, Vala1, Zolle. ILG:88 (C:41, LU:27, OU:6, PO:14)).

9306 **esmadroñarse** *v. prnl.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. Dis. úsao como non prnl. (Dis., Incio, Vixoán).

9307 **esmadruarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Arzón, Buga-A, Carde., Com1, Figue2, Medín, Oroso2, Pravio, Sende).

9308 **esmadrugarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Boi.).

9309 **esmadrugharse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. A nosa fonte escribe *esmadrujarse*. (Cer.).

9310 **esmadruñarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Incio).

9311 **esmaodrarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. Non podemos descartar un erro á hora de escribila palabra. (Poulo).

9312 **esmodrearse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Com1).

9313 **esparghar** *v.* Padecer [unha vaca] un prolapso de matriz. A nosa fonte escribe *exparjar*. Existe o verbo *espargallar* / *esparagallar* co significado de "esparexer en desorde". Con todo iso, temos algunha dúbida de se a nosa fonte transmitiría ben a información e de que non se trate dun erro de *esparjar* por *espariar*, máis previsible co significado de expulsa-la matriz. Debemos lembrar que nas proximidades de Mosende (O Porriño) está Gondomar e alí localizamos *despariar* co significado de "extrae-las secundinas". (Mosen.).

9314 **espotroarse** *v.* Padecer [unha vaca] un prolapso de matriz. Tendo en conta que *espoltrar* está recollido noutras fontes como abortar é posible que os nosos informantes de Cervás interpreten un aborto como un prolapso de matriz, que ás veces segue ó aborto. (Cervá1, Cervá2).

9315 **madrear** *v.* Padecer [unha vaca] un prolapso de matriz, bota-la madre fóra. (Noalla3).

9316 **madroarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Fri., Taboa., Vilaf).

9317 **madruarse** *v.* Ver ESMADROARSE 1 /9305. (Lucí).

9318 **malparirse** *v.* A nosa fonte defíneo como "padecer un prolapso de matriz". Posiblemente sexa un erro de interpretación do informante, porque *malparir* e *mal parto* están amplamante documentados co significado de abortar e aborto respectivamente. (Bolo, Peno.).

9319 ***salir** *v.* Padecer [unha vaca] un prolapso de matriz. (Valad2).

9320 **abocarse a matrís** *loc. v.* Padecer [unha vaca] un prolapso de matriz. Probablemente estean designando unha fase inicial do prolapso. (Viso1, Viso2).

9321 **bota-la madre** *loc. v.* Sufrir [unha vaca] un prolapso de matriz, normalmente por seguir facendo puxos despois do parto. (Común).

9322 **bota-la matrís** *loc. v.* Ver BOTA-LA MADRE /9321. (Somo2).

9323 **bota-la matrís fóra** *loc. v.* Ver BOTAR FÓRA A MADRE /9332. (Saiar).

9324 **bota-la matriz de fóra** *loc. v.* Ver BOTAR FÓRA A MADRE /9332. (Car2).

9325 **bota-la matriz fóra** *loc. v.* Ver BOTAR FÓRA A MADRE /9332. (Frei., Sabu2).

9326 **bota-la nacencia** *loc. v.* Ver BOTA-LA MADRE /9321. (Común).

9327 **bota-la nacenza** *loc. v.* Ver BOTA-LA MADRE /9321. (Sou3).

9328 **bota-la nai** *loc. v.* Ver BOTA-LA MADRE /9321. (Buga-A, Pal).

9329 **bota-la tripa fóra** *loc. v.* Ver BOTAR FÓRA A MADRE /9332. (Gond).

9330 **bota-la *vaghilla fóra** *loc. v.* Sufrir [a vaca] un prolapso de matriz. Trátase dunha mala interpretación da palabra castelá *vagina*. (Mos).


9331 **bota-las madres fóra** *loc. v.* Ver BOTAR FÓRA A MADRE /9332. (Cere).

9332 **botar fóra a madre** *loc. v.* Padecer [unha vaca] un prolapso uterino-vaxinal, máis coñecido como prolapso de matriz. A forma empregada na enquisa do ILG é *botar a madre fora*; en Figue1 escriben: *botar a madres fora* [sic]. (Carr-C, Com1, Figue1, Gaxate, Gond., Laxosa, Noalla, Noalla3, Piñei2, Piñor, Ribad., SComba, Sisán, Vxoán).

9333 **botar las madres** *loc. v.* Ver BOTA-LA MADRE /9321. (Vill-O).

9334 **botarse a madre de fóra** *loc. v.* Ver BOTAR FÓRA A MADRE /9332. (Carb3, Lago, Meir., Noice., Sofán, Vi-Val).
9335 **botarse a madre fóra** *loc. v.* Ver BOTAR FÓRA A MADRE /9332. (Estr3, MCouso).
9336 **botarse a matrís de fóra** *loc. v.* Ver BOTAR FÓRA A MADRE /9332. (Bas., Crendes, Cur., Lestón, Suevos).
9337 **botarse a matrís fóra** *loc. v.* Ver BOTAR FÓRA A MADRE /9332. (Bar-Co).
9338 **botarse fóra** *loc. v.* Ver BOTAR FÓRA A MADRE /9332. (Lañas, Razo).
9339 **saí-la madre** *loc. v.* Padecer [unha vaca] un prolapso de matriz. (Lamas).
9340 **saírse a madre** *loc. v.* Ver SAÍ-LA MADRE /9339. (Hermi.).
9341 **ter algo raro fóra** *loc. v.* Sufrir [a vaca] un prolapso de matriz, ou de vaxina. Así o explican os gandeiros ás veces, incapaces de describir mellor o órgano. (Gond).
9342 ***sali-la madre /as madres** *loc. v.* Ver SAÍ-LA MADRE /9339. Lendo, Valen., Vtose. usan esta forma en sing. Mondo2 úsao en pl. En Fara., Gond., Mira., Tabor., Xudán1 recollemos **salir a madre* e en Fol-LE *salir la madre*. (Fara., Fol-LE, Gond., Lendo, Mira., Mondo2., Tabor., Valen., Vtose., Xudán1).
9343 ***sali-la matriz /matrís** *loc. v.* Ver SAÍ-LA MADRE /9339. En Guil2, Rama. e Randu. recollemos **sali-la matrís*. (CarbCo., Guil2, Rama., Randu.).
9344 ***salirse a madre /as madres** *loc. v.* Ver SAÍ-LA MADRE /9339. PSil. anota **salirse as madres*. Val-LE escribe *salirse la madre*. (PSil, Ribó, Val-LE).
9345 ***salirse a matrís** *loc. v.* Ver SAÍ-LA MADRE /9339. (Lestón).

8.7.13. Prolapso de vaxina



Prolapso de vaxina. (Unidade de Reprodución e Obstetricia. Facultade de Veterinaria de Lugo).

Consiste na inversión da vaxina a través da natura, e pode ser permanente ou apreciarse nada máis cando a vaca está deitada, porque o aumento da presión das vísceras abdominais que se produce nese momento determina o prolapso. A orixe do problema adoita estar en causas hereditarias axudadas por un aloxamento defectuoso, coma tal, as cortes co chan costento cara atrás.

A gravidade do proceso débese ó perigo de infección das vías xenitais por contaminación por xermes de todo tipo procedentes do esterco.

9346 **vincha da auga** *loc. s.* Prolapso de vaxina. Chaman así á bolsa que nestes casos asoma pola vulva antes do parto, maiormente ó deitarse. (Dozón).
9347 **aboca-la madre** *loc. v.* Padecer [unha vaca] un prolapso de vaxina. *As vacas de moito ventre, que facían o tempo, ó deitarse abocaban a madre*. Cómpre face-la observación de que resulta imposible que o que *asome* sexa a madre, entendida como a matriz. O que o noso informante describe é sen dúbida un prolapso de vaxina. (Noalla3).
9348 **bota-la natura** *loc. v.* Sufrir [a vaca] un prolapso de vaxina. (Común).

8.7.14. Quistes ováricos

Descríbense baixo este concepto dous procesos distintos que provocan unha sintomatoloxía diferente. O *quiste folicular* é unha dexeneración fibrosa das paredes do folículo, no ovario. Ó primeiro produce un aumento dos estróxenos no sangue e, como consecuencia, aparición de celos alongados ou ninfomanía, pero ó final o quiste termina luteinizándose e provocando anafrodisia.

O *quiste luteínico* é unha dexeneración quística do corpo lúteo, que non se reabsorbe no prazo normal (de dez días despois da ovulación), o que causa unha produción anormalmente alta de hormonas sexuais (estróxenos e proxesterona) e, como consecuencia, a aparición de ciclos sexuais de duración irregular.

9349 **andar saída cada** + (núm.) + **días 3** *loc. v.* Presentar [unha vaca] celos anormalmente frecuentes debido a un quiste folicular. (Gond.).

9350 **non saírse 3** *loc. v.* Non saír en celo [unha vaca] por cousa dun quiste luteínico persistente. (Gond.).

9351 **ter un quiste** *loc. v.* Ter [unha vaca] un quiste ovárico. (Gond.).

8.7.15. Retención de secundinas

Consiste na falta de expulsión da placenta tralo parto, fenómeno que normalmente debería producirse entre as 3 e 6 horas seguintes, aínda que só se debe falar de retención placentaria cando non se expulsou nas primeiras 24 horas. Ordinariamente é consecuencia de infeccións bacterianas (a brucelose era, ata hai ben pouco, a principal causa deste transtorno), transtornos hormonais ou metabólicos, atonía uterina etc. O tratamento aconsellado consiste na extracción manual o máis axiña posible (sen forzar nunca a situación para que non queden fragmentos adheridos á parede do útero), acompañada de antibióticos e sulfamidas.

Para que a vaca libre ben, na gandería tradicional mestúranse remedios e a maxia dos números. Así, danlle de comer cóbado encarnado (canoto de verza) (Mel2:374) ou nove puntas de espiga de millo en seco (Arc1). Noutros casos danlle de beber, ó remata-lo parto, auga morna con manteiga ou graxa de caldo e ás veces caldo de galiña (Arc1, Cam1), coma ás mulleres [292]. Así, Llópiz recolle en Ordes o seguinte refrán: *Á vaca que pare, pota de chiculate* [293]. Na Raia Seca dise que a herba de *sete sangrías* (*Lithodora diffusa*) serve para *desquitar as vacas* e provoca o aborto (Raiaseca:248).

En Asturias, tamén co propósito de que expulsen as parias sen problemas, danlle ás vacas varias mazarocas encarnadas -as chamadas *raíñas*-, así como rabandas torradas de pan trigo ou centeo (LC:305).

No caso de que a vaca tarde en bota-las parias, en Paradela danlle na calda verzas crúas *de col de ollo rubio* que, para ben ser, teñen que ser roubadas. Outros remedios que empregan na mesma localidade son caldo de pita negra con plumas ou auga morna cunha presa de sal (Parade.:275).

En Reboredo-Sarria (Sete-S) danlle bertonia (*Stachys officinalis*, sin. *Betonica officinalis*), que tamén se emprega nas mulleres [294].

Hai tempo dábanlle á vaca parida durante os primeiros nove días (outra vez o número nove) auga quente e herba seca. O noso informante xa non cre que iso faga falta e dálle tamén herba verde e a auga que a vaca bebe é a do bebedeiro, fría (Cam2). Ás veces danlle *Peliparias* [295] durante 9 días cun cuartillo de viño branco do Ribeiro, á mañá e á noite (Cam2).

Por veces, a expulsión non é completa senón que a vaca aparece coas parias colgando da natura sen rematar de expulsalas. Neste caso, atan nelas un peso, como tal, unha pedra (Arc1) e, deste xeito, a presión constante e suave que exerce fai que se desprendan pouco e pouco. O remedio ten o inconveniente de que dificulta a eliminación de urina.

---

[292] En Outeiro (Marín) e en Rorís (Lourizán, Pontevedra) danlle á muller parida caldo de galiña e chocolate con manteiga *que tiña que ser de vaca*, mesturado con malvela (EBI:205). Igualmente, en distintos textos sobre medicina popular temos lido que para favorece-la expulsión das secundinas na muller emprégase tamén un cocemento da muda dunha cobra (JRL:141).

[293] Ver nota a este refrán no apartado 7.5. *Reprodución: o parto*.

[294] Font Quer recolle con incredulidade a antiga crenza de que a bertonia ou betónica era case unha panacea (nunha publicación de 1537 considerábana capaz de curar 47 enfermidades, *principalmente las de las mujeres*) e só lle recoñece propiedades vulnerarias para curar e limpar chagas infectadas e úlceras varicosas (FQ:674).

[295] Adaptación popular do nome comercial *Expeleparia*, medicamento rexistrado en 1942 polo *Laboratorio Farmacéutico Gallego*, da Coruña, composto a base de *Juniperus sabina*, o xenebreiro, e que está indicado tanto para acelera-la expulsión das secundinas como para favorece-la contracción do músculo uterino e, por conseguinte, a involución do útero tralo parto.

En calquera caso, os nosos gandeiros evitan que as vacas coman as secundinas expulsadas tralo parto, ben as súas propias ou as da compañeira de corte, pois cren que, se o fan, perderán o leite (VLQ:316, JRL:140). O certo é que isto acontece con frecuencia sen que teña consecuencia ningunha sobre a vaca, aínda que pode darse o caso de que produzan un cadro de indixestión por adherencias nos preestómagos. Gro2 explica que el non cree que a vaca perda o leite, porque xa tivo moitas vacas que comeron as parias e non lles pasou nada; aínda así, di que se a vaca as bota fóra é porque non lle son boas, que *aquela cousa no corpo non lle fai ben*.

Por outra banda, crese que, se un animal come a placenta dunha muller, o neno sacará as súas cualidades (JRL:140).

9352 **espelaparias** *s.f.pl.* Medicina de laboratorio que lles dan ás vacas que quedan *picadas* do touro ou que abortan. O informante porfía en que *Espulsaparias* e *Espelaparias* son medicamentos distintos, se ben nós non coñecemos máis que o produto denominado *Expeleparia*. (Ctel1).

9353 **espulsaparias** *s.f.pl.* Medicamento de laboratorio que lles dan ás vacas despois dunha paridura normal para facilita-la expulsión das parias, secundinas. (Ctel1).

9354 **peliparias** *s.f.pl. Expeleparia*, medicamento rexistrado do Laboratorio Farmacéutico Gallego. (Cam1).

9355 **herba da esquita** *s.comp.f.* Herba utilizada antigamente como remedio para facilita-la expulsión da placenta. Non a podemos identificar. (Hermi.).

9356 **despariar** *v.* Ver DESQUITAR 2 /9357. (Gond).

9357 **desquitar 2** *v.* Extraerlle as secundinas [a unha vaca]. (Gond).

9358 **librar 4** *v.* Extraerlle as secundinas [a unha vaca]. (Gond., Gro2).

9359 **limpar 2** *v.* Extraerlle as secundinas [a unha vaca]. (Gond).

9360 **te-la placenta** *loc. v.* Ver TE-LAS QUITAS /9367. (Pont.).

9361 **te-las libracións** *loc. v.* Ver TE-LAS QUITAS /9367. (Común).

9362 **te-las libradeiras** *loc. v.* Ver TE-LAS QUITAS /9367. (Común).

9363 **te-las libranzas** *loc. v.* Ver TE-LAS QUITAS /9367. (Común).

9364 **te-las paras** *loc. v.* Ver TE-LAS QUITAS /9367. (Lama).

9365 **te-las parias** *loc. v.* Ver TE-LAS QUITAS /9367. (Cam2, Sou3).

9366 **te-las parideiras** *loc. v.* Ver TE-LAS QUITAS /9367. (Sou3).

9367 **te-las quitas** *loc. v.* Rete-las secundinas [unha vaca]. (Común).

Fervendo hedreira, fregas á muller e logo abrégoa. (VLLM:2,516) [296]

Nove follas de hedreira fan abregoar ás femias. (VLLM:2,516) [297]

Sete follas de hedreira, fregas á muller e logo abrégoa. (VLLM:2,516) [298]

8.7.16. Vaxinite

É unha inflamación da mucosa da vaxina debida á acción microbiana, por propagación de inflamacións da vulva ou da matriz, a traumatismos durante o parto ou a manipulacións incorrectas no mesmo.

Para curar estas inflamacións os gandeiros remédiano con lavados vaxinais feitos con auga con bicarbonato. Con iso o que se pretende é combate-la acidez excesiva da secreción vaxinal que se dá nas vaxinites.

9368 **forraxe 3** *s.f.* Secreción vaxinal mucopurulenta que expulsan as vacas *picadas*. (Ctel1).

9369 **infetada 1** *adx.* [Vaca] cunha infección vaxinal transmitida polo boi. A nosa fonte descríbeo como "infección en la vulva al ser cubierta por el buey. En este caso no queda preñada". (Guil2).

[296] Llópiz: *edreira, â*; explica que *abregoar* é expulsa-la placenta e as secundinas e que con este remedio pretendíase alivia-las paridas e evitar complicacións. Comentando un refrán paralelo di que se aplicaba tamén en albeitería. Recólleo de Rafaela Gutiérrez, profesora en partos de Vigo.
Font Quer non recolle para a hedra ningunha indicación neste sentido, pero si lle recoñece propiedades vasodilatadoras en pequenas doses e vasoconstritoras a doses altas, o que a converte en vomitiva e mesmo tóxica por vía interna. En cocemento e por vía externa aconséllase para activa-la cicatrización de calquera chaga e úlcera tórpida (FQ:472).

[297] Llópiz: *edreira, fan*, *âs*; explica que as fregas se deben dar coa infusión das hedras no ventre. Recólleo de E. Couñago Puga, do Porriño, e di que tamén se utiliza en albeitería.

[298] Llópiz: *edreira*.

9370 **picada do touro** *loc. adx.* [Vaca] que queda *ferida* (máis ben infectada) despois de cubrila o touro. (Ctel1).

9371 **quedar castigada** *loc. v.* Quedar ferida [unha vaca] polo boi do posto. (Ctel1).

8.7.17. Outras

9372 **meninxite** *s.f.* Neurose puerperal. Denominación popular. (Gond.).

9373 **abilleira** *adx.* [Vaca] que ten unha neumovaxina. (Lama).

9374 **da-la volta a matriz** *loc. v.* Sufrir [a vaca] unha torsión uterina. Nesta situación, o parto natural resulta imposible. (Ctel1).

8.8. Síndromes e outras patoloxías non clasificadas

Rematámo-lo estudo das enfermidades do gando cun conxunto de signos e síntomas que non se asimilan a ningún cadro patolóxico concreto. Poden ser síntoma dalgunha das enfermidades recollidas anteriormente pero describen unha situación con entidade propia que recibe a denominación de síndrome, polo que cremos que merecen ser consideradas independentemente.

8.8.1. Gando canso

Para a *"debilidade do gando"*, e sen que a fonte nos dea máis datos descritivos, *faise un cocemento de asentos, manzanilla, tila, herba luisa e raíz de anciana (genciana), logo mistúrase con aceite de fígado de bacallau, e dáselle a beber* (Morei.:306).

9375 **amaiado** *adx.* [Animal] canso ou enfermizo porque lle *entrou o maio*. Por extensión, aplícase á xente preguiceira. (Sardo., VLQ).

9376 **canseiro** *adx.* [Animal] debilitado polo traballo ou que é de movementos lentos. (ERG).

9377 **esmaiolado** *adx.* Ver AMAIADO /9375. (Lan.).

9378 **esmalloado** *adx.* [Boi] canso. *Entre táboa e taboado/ hai un boi esmalloado*. Pero lémbrese que, en Hermisende, *esmalloarse* é "caer un animal por un terraplén, precipicio, barranco etc.". (Gud9).

9379 **aboucar 2** *v.* Desfalecer [unha vaca] polo esforzo realizado no arado ou no carro, non poder máis. *Esta vaca xa vai aboucando*. (LG).

9380 **acabar co almallo** *loc. v.* Abusar do almallo ata que acaba enfraquecendo por esgotamento. (VLLM).

9381 **chisga-lo almallo** *loc. v.* Ver ACABAR CO ALMALLO /9380. (VLLM).

Boi cansado, asenta ben o paso. (ERG:boi)
Boi cansado, pé máis asentado. (ERG:boi) [299]
O boi canso pisa máis forte. (ERG:boi)
O boi, canto máis se cansa, máis calca a pata. (VLLM:1,147) [300]
O boi que se cansa, calca máis a pata. (VLLM:1,147) [301]
Home de sábado e boi de lunes. (XTC4) [302]
Mozo de lus e bois do sábado non valen un ichavo. (XMSH:130; VS) [303]
Non busques nin boi de sábado nin home de lunes. (XTC4)
O home ó sábado e o boi ó luns (MVN7:123). [304]

[299] ERG: *pè mais*.
[300] Llópiz recólleo de V. Muñiz, prof. veter.
[301] Llópiz recólleo de F. Martínez Moras na Coruña.
[302] Os homes ó sábado traballan; o luns, non, cansos da troula do domingo. Pola contra, os bois o luns están descansados do domingo.
[303] Saco recolle *Mozos de lunes e bois do sábado non valen ochavo*. O lexema *bois do sábado* podería cadrar con *carne do sábado* que Eladio Rodríguez explica como *extremos, despojos y gordura de los animales, que antiguamente era permitido comer en ese día*; é dicir, trátase de carne de escasa calidade. Non sabemos por que esta carne se chama precisamente *de sábado*. ¿El será polo cansazo do boi tralo esforzo da semana? Isto explicaría a relación que presenta o refrán co *mozo do luns* (aludindo ó cansazo pola troula do domingo).
[304] No texto: *O hòme ô sábado e o bôi ô lunes*.

Nin boi canso nin boi manso. (ERG:boi)
Ó boi cansado/canso, mollalo. (VLLM:1,128) [305]
Ó boi cansado múdalle o paso. (ERG:boi)
Ó boi cansado trócalle o ciballo. (VLLM:1,128) [306]
O que na estrada semea, perde o grao e os bois ampea. (VLLM:1,148) [307]
O que semea no camiño, ampea os bois e perde o millo. (VLLM:1,149) [308]
O que sementa no camiño cansa os bois e perde o trigo. (Camb1:53; Castre.)
Quen sementa no camiño cansa os bois e perde o trigo. (XLF2:62; XLF3:63; ERG:camiño/sementar; ANV1:101; XTC4; PdM:18; ZM:213; VS) [309]

Entre táboa e taboado
hai un boi esmalloado. [310]

Entre vala e valado
hai un boi rebentado. [311]

Entre valado e valado
hai un boi arrebentado. [312]

Entre valado e valado
hai un boi asoballado. [313]

Entre valado e valado
hai un boi asobeado. [314]

Entre valado e valado
hai un boi asobedado. [315]

8.8.2. Resentirse do exceso de traballo

9382 **maniota 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Dor que ocasiona o esforzo inusual. Aplicado ás vacas refírese ó exceso de traballo. (Veste).
9383 **boi asoballado** *loc. s.* A masa na artesa. Úsase nas adiviñas. (PM:409).
9384 **boi esbarrigado** *loc. s.* A masa na artesa. Úsase nas adiviñas. (PM:409).
9385 **boi rebentado** *loc. s.* A masa na artesa. Úsase nas adiviñas. (PM:409).
9386 **afuciñada** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Tab1).
9387 **agotada** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (TapiaC).
9388 **amaniotada** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. Ver MANIOTA 2 /9382. (Fre., Lago, Vala1, Vviño).
9389 **amantada** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Ribe1).
9390 **amolecida** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Medín).
9391 **brindada** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Neda).
9392 **cansada 1** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Burela1, Cervá1, Cervá2, Lagar., Noal, Piñor, Sende., Vtose).
9393 **cargada** *adx.* Ver CANSADA 1 /9392. (Antas3).
9394 **eivada 3** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Troán1).
9395 **entrillada 2** *adx.* Ver TRILLADA 2 /9415. (Bar-Co., Callo., Carño2, Corb., Couso, Cunt2, Dozón, PCal2, Peroxa, Rib-E, Ribad., Sisán, Somo1, Somo2, Tabor., Teo, Verdu).
9396 **envarada** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Cer.).
9397 **escamballado** *adx.* [Bovino] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Osoño3).

[305] Llópiz: *Ao, mollal-o*. Di que llo transmitiu V. Risco.
[306] Llópiz: *Ao*, *trócall'o*; explica *ciballo* ou *cibo* como *clase de alimento*. Cita a A. Valenzuela Ozores, 1865. Tamén existe *A cabalo cansado, mudarlle o prado* (ERG:cabalo).
[307] Llópiz explica que *ampea-los bois* ten aquí o sentido transitivo de fatigalos excesivamente; recólleo de A. Valenzuela Ozores.
[308] Llópiz dá esta var. na que volve aparece-lo verbo *ampear* como transitivo. Recóllea en Serantellos, ó pé de Ferrol, de Evaristo Mayobre.
[309] XLF2 comenta: *refrán ispirado na parábola dos Evanxeos na que se fala da sementeira do grau* (Mateo 13,3-4). No texto: *cansa ós bois* (ERG); *cans'os, perd'o trigo* (XTC4); *cans'aos, perd'o* (PdM); *aos bois* (ZM). Saco ofrece os seguintes equivalentes: P.: *Quem semeia em caminho, cansa os bois e perde o trigo* (Chaves); E.: *Quien siembra en el camino, cansa los bueyes y pierde el trigo* (R.Marín).
[310] A masa. Gud9:36.
[311] PM:409.219. No texto: *reventado*.
[312] A masa na artesa. ANV1:87. No texto: *arreventado.*
[313] A masa na artesa. PM:409.219, APG:167, ANV5:15. No texto: *balado* (ANV5).
[314] A masa na artesa. Gud5:44.
[315] A masa na artesa. PM:409.219 (tomada de Leiras Pulpeiro), APG:166.

9398 **escambroado 2** *adx.* Ver ESCAMBALLADO /9397. (Lagoa).
9399 **espalmada** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Callo).
9400 **forzada 2** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. Supoñemos que se refire a que *forzou* un artello. (Mondo2).
9401 **intrillada** *adx.* Ver TRILLADA 2 /9415. (Noalla, Vnova2).
9402 **mallada 3** *adx.* Ver MAZADA 1 /9403. (Per1).
9403 **mazada 1** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Laxosa, Vala).
9404 **molesida** *adx.* Ver AMOLECIDA /9390. A nosa fonte defíneo como "vaca cansada, e destornillanse os osos". (Noia).
9405 **pisada** *adx.* Ver REPISADA 1 /9410. (Carr-C).
9406 **rebentada** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. A nosa fonte escribe *reventada*. (Suevos).
9407 **recargado** *adx.* [Animal] coas articulacións das patas inchadas por exceso de traballo. Ver voces semellantes no apartado 8.6.7. *Sinovite*. (Burón, Com1, Dum., Gud., Gui., Laxe, Nove., Suarna).
9408 **recarghada** *adx.* Ver RECARGADO /9407. A nosa fonte escribe *recarjada*. (Lucí, Teo).
9409 **relaixada** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Com4).
9410 **repisada 1** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Antas3, Mon., Mosen.).
9411 **resentida** *adx.* Ver REPISADA 1 /9410. (Razo).
9412 **respaldada 2** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Damil).
9413 **tolleita 2** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Camba).
9414 **trichau** *adx.* [Gando] que ten as patas doloridas por andar por camiños difíciles. (Ibias2).
9415 **trillada 2** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. En Ribe2 a nosa fonte escribe *trillado* e explica que é "mazada por la parte de abajo". (Común. ILG: 168 (C:84, LU:33, OU:18, PO:30, GExt.:3)).
9416 **vencida** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Anca, Culle).
9417 ***froxa** *adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Pade.).
9418 ***reblandecida** *adx.* Ver *BLANDA DOS CASCOS /9426. (Caban).
9419 **amolecida dos pés** *loc. adx.* Ver AMOLECIDA /9390. (Sofán).
9420 **cos cascos gastados** *loc. adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Sisto).
9421 **entrillada das patas** *loc. adx.* Ver TRILLADA 2 /9415. (Fózara).
9422 **mol das uñas** *loc. adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (MCouso).
9423 **rebentada dos pés** *loc. adx.* Ver REBENTADA /9406. A nosa fonte escribe *reventada*. (Leir-A).
9424 **trillada do traballo** *loc. adx.* Ver TRILLADA 2 /9415. (Noal).
9425 **trillada dos pés** *loc. adx.* Ver TRILLADA 2 /9415. (Cur.).
9426 ***blanda dos cascos** *loc. adx.* [Vaca] que se doe dos artellos polo exceso de traballo. (Lagar.).
9427 **repisar 1** *v.* Resentirse [a vaca] dos artellos polo exceso de traballo. (Friei., Vrei.).
9428 **abrirse dos peitos** *loc. v.* Resentirse [unha vaca] polo exceso de traballo. (Per., XER).
9429 **destornillarse os ósos** *loc. v.* A nosa fonte non o explica: "*Molesida*: vaca cansada, e destornillanse os osos". (Noia).
9430 **estar mal das patas** *loc. v.* Doerse [a vaca] dos artellos polo exceso de traballo. (Abe.).
9431 **estar trillada** *loc. v.* Resentirse [unha vaca] das articulacións das patas polo moito traballo. (San.).
9432 **non uñar ben** *loc. v.* Non apoiar correctamente as patas, normalmente os bois cando xa van vellos ou traballaron moito. *Vendin os bois pra a macheta, porque se lle torceran as patas co traballo e xa non uñaban ben*. (Parade.:276).

Boi marelo lourado, primeiro morto que ampeado. (VLLM:1,134) [316]
Boi que está moi traballado, non che sirve para o banco. (UCA2:41; VS) [317]
Boi que vai/está moi traballado, non che val pra o banco. (VLLM:1,135) [318]
O boi que máis traballa, máis axiña creba. (VLLM:1,147) [319]


[316] Recólleo en Lama de Rei (Mosteiro, Cervantes); explica que *marelo lourado* é *color de piel melado*; e *ampeado* é *agotado, aniquilado por la fatiga*.

[317] Realmente UCA2 (4.06.1908) escribe *esté*; UCA2 e VS: *para o barco*, pero coidamos que *barco* é errata por *banco*. Con todo, debemos lembrar que os bois se utilizaron para traer a terra redes ou barcos nas praias ata mediados do século XX e tamén que Galicia realizou unha importante exportación de gando vacún a Inglaterra por barco no XIX (véxase 10.12.2.).

[318] Llópiz explica que *banco* é o taboleiro dos matadoiros sobre o que se sacrifican as reses, e que a carne dos bois vellos moi traballados resulta de moi mala calidade. Di tamén que o recolle de E. Carré Aldao (*A Nosa Terra*, 1908) pero, como se ve na variante anterior, con emendas.

[319] Llópiz recólleo de I. González en Santiago.

8.8.3. Caquexia



Vaca caquéctica.

Consiste nun estado de desnutrición, debilidade e perda de masa muscular graves, como resultado dunha enfermidade consuntiva crónica. Os síntomas característicos son inapetencia, adelgazamento extremo, desaparición de tódolos depósitos graxos, dificultade nos movementos e, finalmente, fracturas óseas espontáneas ou producidas por pequenas caídas ou traumatismos. Aínda que a caquexia é un síntoma presente en diferentes enfermidades, determina moitas veces o prognóstico e o tratamento a instaurar.

Co nome de caquexia ósea, ou osteomalacia, descríbese un grupo de enfermidades osteodistróficas caracterizadas pola descalcificación ou rebrandecemento dos ósos, que poden chegar a deformarse ou fracturarse. A diferenza do raquitismo, propio dos animais novos, a caquexia é unha enfermidade dos adultos, xeralmente a consecuencia de enfermidades crónicas ou da idade.

9433 **canfornio** *s.m.* Conxunto de ósos dun animal fraco. *A Marela, un canfornio de òsos e pelexos*. Eladio Rodríguez recólleo de Otero Pedrayo, *O mesón dos ermos*. (ERG).

9434 **caqueisia** *s.f.* Caquexia. (ERG).

9434b **sequío** *s.m.* Caquexia producida pola fame que diminúe as defensas do animal contra as enfermidades. (CLam3).

9435 **gorrobello** *s.m.* Animal [planta e mesmo persoa] desprezable, pequeno, que non medrou, que quedou engorrobellado. (ERG).

9436 **achacío** *adx.* [Animal] que pouco máis ten que ósos e pel. Tamén se aplica á xente. (ERG).

9437 **agarrada** *adx.* [Vaca] caquéctica que ten a pel agarrada ó tecido subcutáneo. (Alla2, Ribad).

9438 **caquéisico** *adx.* [Animal] que presenta caquexia, caquéctico. (ERG).

9439 **desdeño** *adx.* [Animal] que está moi fraco. *Estar desdeña unha emprega* é estar nos ósos unha cabeza de gando vacún. (ERG).

9440 **embreiado** *adx.* [Animal] excesivamente fraco. (Cañiza).

9441 **engorrobellado** *adx.* [Animal] que quedou cativo, fraco, desmedrado, raquítico. (ERG).

9442 **escainzado** *adx.* [Animal] fraco de máis. (Saa).

9443 **esgalichado** *adx.* [Animal] moi delgado, que está nos ósos. (ERG).

9444 **estransillada** *adx.* [Vaca] caquéctica cos illares moi afundidos. Co mesmo adxectivo califícase á persoa que anda con dificultade (Sob.) ou que está estrinxida (Caa.,Gui.). (Común).

9445 **estranxilada** *adx.* [Vaca] baleira, chea de fame. *Estas vacas están moi estranxiladas, percen estrigas*. (TCha).

9446 **estranxiñado** *adx.* Ver ESTRANSILLADA /9444. Aníbal Otero escribe *estranjiñado*, co significado de "Trasijado. Aplícase también a animales", e así o recollemos nós, pero debemos sinalar que esta voz tamén a recolle o apéndice ó *Diccionario* de Eladio Rodríguez, da mesma fonte e co mesmo significado, pero escrito baixo a forma *estraxiñado*. (Piquín).

9447 **estrenxilado** *adx.* Ver ESTRANSILLADA /9444. (Made).

9448 **estresillado** *adx.* Ver ESTRANSILLADA /9444. (Cod1).

9449 **estrexillado** *adx.* Ver ESTRANSILLADA /9444. (Cañiza).
9450 **estrinxido** *adx.* Ver ESTRANSILLADA /9444. (Barcia).
9451 **estrullada** *adx.* [Vaca] caquéctica cos illares moi afundidos. (ERG, VLLM, VS, XTC4).
9452 **goldrán** *adx.* [Animal] fraco de máis. ERG recólleo tamén de Aníbal Otero e localiza a voz en Soutelo. (ERGa, Piquín).
9453 **hospital** *adx.* [Vaca] fraca, caquéctica. A nosa fonte di *que se lle ve o día ó través*. (Valga).
9454 **repelón** *adx.* [Animal] excesivamente fraco e que ten o pelo de punta. (Burón, Suarna).
9455 **transida** *adx.* [Vaca] fraca, caquéctica, mirrada. (Común).
9456 **devecer** *v.* Enfraquecer, ir perdendo carnes [unha vaca]. ERG escríbeo con be. (ERG, ERQ1).
9457 **engorrobellarse** *v.* Estancarse [unha persoa, animal ou árbore] nas medras, quedar gorrobellos. (ERG).
9458 **escroufarse** *v.* Perde-la carne [unha vaca] e leva-la pel solta e os ósos marcados. (Cou1).
9459 **esperecer** *v.* Morrer de fame [o gando], quedar nos ósos por enfermidade ou outra causa. *Ten o ghado todo esperecido*. (Xun2).
9460 **contarse os ósos** *loc. v.* Estar moi fraca, mal mantida [unha vaca]. *Seu deber era estar na casa. Defendela. Gardala pra o sobriño. Sóilo asina tivo forzas de abondo pra escoitar o balbordo que viña da casa da Burata. Mais chegando á probe mesa, servindo na cociña a cunca de caldo ó rapaz, tremaba. Saíu ó curro. Ás vacas podíanselle contar os osos*. (ROP2:369).

Vaca estransillada, nin bo leite nin boa crianza. (ERG:vaca) [320]
Vaca estransillada, nin leite nin crianza. (ANV1:80; VS)
Vaca estrullada, nin leite nin crianza. (ERG:estrullada; ANV1:80; ANV4:17; VLLM:1,157; XTC4; VS) [321]

8.8.4. Coxeiras

Denomínase coxeira [322] ou claudicación un síntoma funcional caracterizado pola disharmonía dunha ou varias extremidades durante o movemento, o que supón un anormal reparto do peso do corpo sobre unha ou máis daquelas. É moi frecuente na clínica veterinaria e de moi diversa etioloxía: traumática, médica ou infecto-parasitaria.

Nas denominacións populares que recolleremos a continuación pode comprobarse que, salvo contadas excepcións, só se alude á disfunción na marcha e á actitude de defensa contra a dor que amosan os animais que sofren esta síndrome, que apoian o pé con cautela tenteando o terreo no que pisan.

Sendo certo que unha coxeira non provoca a morte do animal nin afecta significativamente a vida deste, dende o punto de vista clínico, tamén o é que o inutiliza para o traballo; e isto representaba a súa morte económica en tempos en que este gando era imprescindible para o traballo no campo. De aí a gran importancia que revestía esta patoloxía na clínica veterinaria e sobre todo para o gandeiro.

Pero incluso no momento actual, no que o traballo co gando é pouco menos que historia, non por iso resulta menor a importancia económica das coxeiras. A dor que sofren os animais afectados reduce ó mínimo os seus movementos e, en consecuencia, deixan de comer a cantidade de alimento que necesitan para mante-la súa produción láctea, que diminuirá drasticamente, e o incremento de peso será menor do esperado. Estímase que as coxeiras son a terceira causa de perdas económicas no gando de leite, trala infertilidade e a mamite. A maiores, a dor á que nos referimos provoca que os animais estean deitados máis tempo do normal, o que facilitará a aparición doutras enfermidades, como alteracións no fisioloxismo dixestivo, mamite (pois as vacas coxas tenden a deitarse en calquera parte) etc.

En Arcade (Arc1) din que cando unha vaca coxea é que os ratos lle comeron os cascos, e entón bótanlles alquitrán. Noutros sitios, para cura-las coxeiras botan man dos lavados do pezuño con salmoira do porco ou ben baños das patas en auga do mar (Cam1, Culle.). En Tomiño (Tabor) empregan salmoira e sulfato de cobre. No Grove curan o *zapatazo* (un golpe nos cascos) vendando o pezuño cunha tea empapada en vinagre con sal (Gro4).

[320] Outros refráns din: *Muller delgada, de tres meses preñada* (XTC4), *Muller estranxilada, de tres meses preñada* (TCha:95), *Non hai muller máis esbarrigada cá dos tres meses embarazada* (TCha:92) e *Non hai muller máis delgada cá de tres meses preñada* (TCha:132).

[321] Llópiz explica que *vaca estrullada* é vaca moi traballada, sen carnes, con grandes vougos nas illargas e escurrida de ventre. No texto: *Vaca estrulla* (sic) (ANV4).

[322] Tecnicamente, a palabra *coxeira* debería empregarse só para designar un síntoma funcional de diversas enfermidades, pero non para indicar unha entidade patolóxica concreta, pero resulta común utilizala como sinónimo da enfermidade que manifesta tal síntoma.

O que se pretende conseguir con estes baños en auga salgada é provoca-la redución da inflamación (e da dolor) aproveitando o fenómeno da diferente presión osmótica entre a auga salgada (alta) e os líquidos celulares extravasados na zona inflamada (baixa). Esta é a razón pola que os baños en auga salgada tamén están recomendados polos médicos para a xente en caso de torceduras, escordaduras etc.

Cando a coxeira se debe á inflamación nos xeonllos o que se fai é refregar con unto fervendo e despois vendalo ben forte (Arc1), ou ben darlle unhas fregas con vinagre quente (Arc1). Outro remedio é poñerlle cataplasmas de fariña (Arc1). En todos estes tratamentos recórrese á acción astrinxente do vinagre e da temperatura alta para reduci-la inflamación. O uso das fregas con vinagre quente tamén podemos velo nos golpes e escordaduras da xente da illa de Ons (Ons:626-627).

9461 **coxea** *s.f.* Ver COXEIRA /9464. (Cal.).
9462 **coxedá** *s.f.* Ver COXEIRA /9464. (ERG).
9463 **coxedade** *s.f.* Ver COXEIRA /9464. (ERG, IBA, LCA1).
9464 **coxeira** *s.f.* Dificultade por calquera causa para apoiar unha pata. (Común).
9465 **coxén** *s.f.* Ver COXEIRA /9464. (Piquín, Suarna).
9466 **coxieira** *s.f.* Ver COXEIRA /9464. (Com1, ERG).
9467 **cuxieira** *s.f.* Ver COXEIRA /9464. (Cab., Gui.).
9468 ***coxera** *s.f.* Ver COXEIRA /9464. (Ped1, Razo, Taboa., Vil.).
9469 **aspeado** *adx.* [Animal] que se doe dos pés polo moito andar. (ERG).
9470 **coxa 2** *adx.* [Vaca] que camiña inclinando o corpo máis a un lado do que ó outro por non poder apoiar por igual as súas patas. (Común).
9471 **coxo 1** *adx.* [Bovino] ó que lle falla algunha pata. En Miñor2 e Gud. definen como "vaca cunha pata paralítica". (Común).
9472 **poupiñoa** *adx.* [Vaca] que vai tenteando o terreo ó andar por te-los pés doloridos. (Burón, Suarna).
9473 **poupión** *adx.* Ver POUPIÑOA /9472. (Piquín).
9474 **trenca 2** *adx.* [Vaca] que anda coxa por cousa dun golpe, dunha ferida ou por te-los pés doloridos. (Gro4, Melias).
9475 ***deshilada** *adx.* [Vaca] que coxea. (VGR).
9476 **acrouquiñar** *v.* Ver APOUPIÑAR /9485. (Vilar).
9477 **achoupiñar** *v.* Ver APOUPIÑAR /9485. (Xun.).
9478 **apalpar 1** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. Bar-Co escribe *anda apalpar*. (Arzón, Bar-Co., Ben., Car2, Carr-C, Codeso., Cruído, Enxames, Fara., Grixoa, Gui., Laraxe, Leir-A, Meira2, Mosen., Negral, Nove2, Oirán, Oroso2, PCal2, Pedro., Sende., Vala1, Vixoán., Vmaior).
9479 **apalpare** *v.* Ver APALPAR 1 /9478. (Pre.).
9480 **apalpitar** *v.* Ver APALPAR 1 /9478. (PSeca).
9481 **apenteñar** *v.* Ver APOUPIÑAR /9485. (Corb., Vnova2).
9482 **apezuñar** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Est4).
9483 **apouciñar** *v.* Ver APOUPIÑAR /9485. (Neves2).
9484 **apoupillar** *v.* Ver APOUPIÑAR /9485. (Grixoa).
9485 **apoupiñar** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. *Vai apoupiñando* a res que non sabe que pé ha de pousar. (Alence, Amandi, Aranga, Arroxo, Baltar, Baña2, Barre., Bidu., Bolo, Burgo, Burón, Cal., Calo, Ced., Ces., Com1, CReis2, Cubi2, Dúas, Fre., Frei., Lamas, Laxosa, Lous., Meira2, Negr2, Oliv., Pade., Penela, Peno., Per., Piñei2, Piquín, Rib-S, Ribó, Sabu2, Suarna, Troán1, VFrore., Vilar, Xeve).
9486 **apouquiñar** *v.* Ver APOUPIÑAR /9485. (Sisto).
9487 **apousiñar** *v.* Ver APOUPIÑAR /9485. (Cang2).
9488 **apoutiñar** *v.* Ver APOUPIÑAR /9485. (Mra., Sabu2).
9489 **apoutoar** *v.* Ver APOUPIÑAR /9485. (Negra.).
9490 **apretar** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Vcova).
9491 **apulpizar** *v.* Ver APOUPIÑAR /9485. (Gui.).
9492 **aspearse** *v.* Doerse dos pés [unha vaca] por camiñar moito. (ERG).
9493 **ataitariñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Antas3).
9494 **atartariñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Medín).
9495 **ateitiñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Abe., Carbal., Casal., Lampón, Mon., Ribe1, TapiaC).
9496 **atentar 1** *v.* Ver TENTEAR /9536. (Vrei.).
9497 **atentiñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Carr-C, Negr2).
9498 **atertiñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Caa., Cab., Lago).
9499 **atintanar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. A nosa fonte define como "tentenear", moverse a un lado e a outro. A definición non é moi precisa e nós clasificamos esta voz neste apartado pola semellanza que presenta o seu lexema co dalgunhas das voces deste concepto. (Piquín).
9500 **atintiñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Cam4, Morga., Saiar).
9501 **atoupiñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Burón, Cal., Dis., Gud., Gud5, Ped1, PSil, Xun.).
9502 **atouteñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Carño2, Sabu3, Verdu).
9503 **atoutiñar** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. Razo no primeiro traballo que se garda no ILG dicía claramente *atontinar*. (Ben., Caban., Carr-G, CTui, Gaxate, Oza, Rábade, Razo, Rus, SComba, Suarna).
9504 **atrembilicar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Goián).
9505 **atretiñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Meir.).
9506 **blander** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Laiosa).
9507 **buscar** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Vtose).
9508 **carrandear** *v.* Coxear, trenquelear [unha vaca]. (CP).
9509 **carranquear** *v.* Coxear, trenquelear [unha vaca]. (CP).
9510 **coxapeliar** *v.* Coxear un pouco [unha vaca]. (Piquín).

9511 **coxear** *v.* Apoiar con dificultade [unha vaca] algunha pata por resultarlle doloroso este movemento. (Común).
9512 **coxelear** *v.* Ver COXEAR /9511. (Fózara).
9513 **darse 2** *v.* Coxear, resentirse [unha vaca]. (ERG).
9514 **doerse** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Peroxa).
9515 **engaimarse** *v.* Ver ENGUEIMARSE /9516. (Barcia).
9516 **engueimarse** *v.* Entumecérselle unha articulación [a unha vaca] a causa do frío ou dunha enfermidade. (Barcia).
9517 **entantiñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Buga-N).
9518 **manquexar** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Nive).
9519 **palmasicar** *v.* Ver APALPAR 1 /9478. (Abadín).
9520 **palpar** *v.* Ver APALPAR 1 /9478. (Fol-LE, Lañas, Oroso1, Vill-O).
9521 **palpiñar** *v.* Ver APALPAR 1 /9478. (Salv3).
9522 **paticar** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Xudán1).
9523 **pexar 2** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Vil.).
9524 **poupear** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver APOUPIÑAR /9485. Piquín dá este contexto: *Esa vaca ¡como se poupea!*. Del dedúcese que existe unha variante *poupear* e que, por parte, ten uso reflexivo, co que debería ser *poupiarse* / *poupearse*. (Piquín).
9525 **poupiar** *v.* Ver POUPEAR /9524. (Piquín).
9526 **pulpillar** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Pravio).
9527 **ranguear** *v.* Coxear, trenquelear [unha vaca]. (CP).
9528 **repisar 2** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Valad2).
9529 **tantanear** *v.* Ir [unha vaca] como tentando para andar, andar con tremelique e tocando para apoiarse. (Xun2).
9530 **tantariñar** *v.* Ver TARTARAÑAR /9532. (Valad1).
9531 **tantear** *v.* Ver TENTEAR /9536. (Anseán, Cerd2, Cervá2, Corre., Cur., Dúas, Lagar., Vxoán).
9532 **tartarañar** *v.* Ver TENTEAR /9536. (Nove., XER).
9533 **tartarañear** *v.* Ver TARTARAÑAR /9532. (Noal).
9534 **tartariñar** *v.* Ver TARTARAÑAR /9532. (Com1, Figue1).
9535 **tentar** *v.* Ver TENTEAR /9536. (Damil, Mira., Val-LE).
9536 **tentear** *v.* Apoia-lo pé con medo [a vaca] por telo dolorido. (Guil2).
9537 **tentenear** *v.* Bambolearse [un animal]. *Troujen un trémado que che me tenteneaba* [sic] *os bois a tódolos jeitos*. Esta definición non é moi precisa pero traémola a este apartado polas mesmas razóns que o fixemos con *atintanar*. Ese movemento bamboleante, que supoñemos ten orixe patolóxica, poida que se orixine tamén por outras causas. De ser así, quizais non estiver lonxe o significado que García Barros lle daba á palabra *entenear*, no sentido de tirar pola corda cara un lado distinto do que quere o pastor, para pacer noutro espazo que lle apetece máis: *E o rapás tiraba pola corda da Vermella, que enteneaba en pacer fora da estrema. E non porque tivera máis herba, senón por teimar en facer aquilo que non lle deixaban que fixera* (GB2:11). *Entenear* parece ter aquí o significado de "porfiar, insistir" pero neste caso cun movemento bamboleante da cabeza para tirar pola corda e poderse mover cara onde quere. (Palas1).
9538 **tertiñar** *v.* Ver TARTARAÑAR /9532. (Beman.).
9539 **toupiñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Mez).
9540 **toutiñar** *v.* Ver ATOUTIÑAR /9503. (Taboa.).
9541 **trillar 2** *v. Ú. t. c. prnl.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. Mel1 e Mra. explican que se lle rebrandecen os pezuños. O informante de Burela especifica *trillar a vaca*. En Valad1, Valad2 e Melias dan esta palabra co significado de "feridas na pezuña"; así como Ribe1, Meir. e Razo (que escriben *trillarse*), mentres que Com4 e Car 2 dan *vaca trillada*, Casal. dá *casco trillado*, e Cruído *trillaso*. Por outra banda, en Cang2 e Neves2 definen *trillarse* como "sufrir un traumatismo nos artellos". Con seguridade, todas estas informacións están a falar dunha mesma realidade, vista desde diferentes puntos de vista: dise que unha vaca *trillouse* cando sofre unha ferida ou un golpe nos pezuños. Esa vaca está *trillada* ou ten o *casco trillado* e, como consecuencia, coxea e apoia o pé con dificultade. (Burela1, Mel1, Mra, Piquín, Santi.).
9542 **uñar 2** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Cast).
9543 **uñare** *v.* Ver UÑAR 2 /9542. (Tab1).
9544 **uñear** *v.* Ver UÑAR 2 /9542. (Antas3).
9545 **xiribiscar** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Pal).
9546 **zopencar** *v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Incio, XER).
9547 **andar con tino** *loc. v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Fol-C).
9548 **andar entangueñida** *loc. v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Somo1).
9549 **apartar do duro e ir ó *blando** *loc. v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Conxo).
9550 **busca-la terra branda** *loc. v.* Tentear [a vaca] onde pousa-lo pé por telo dolorido. (Baltar).
9551 **tantea-lo *terreno** *loc. v.* Ver TENTEAR /9536. (Viso1, Viso2).

A vaca coxa cabe da corte trota. (VLLM:1,131) [323]
Vaca coxa non quer sesta, e se a toma, mal lle presta. (ZM:244) [324]

Esa chaqueta que tes,
é unha chaqueta roxa,
e ti ben puideches ver
que teño unha vaca coxa. [325]

8.8.5. Febre

Os animais domésticos, como tódolos mamíferos, son homeotermos, é dicir, manteñen, en condicións normais, unha temperatura corporal constante, dentro de certos límites para cada especie e con lixeiras variacións individuais. No caso do gando vacún adoita estar ó redor dos 38ºC (con variacións entre 37,5 e 39,5ºC), un pouco máis nos becerros (38,5-40ºC). En ocasións pode observarse unha elevación da temperatura corporal por riba das cifras normais, elevación que pode ser debida a causas fisiolóxicas ou patolóxicas. No primeiro caso falamos de *hipertermia* [326] e, no segundo, de *febre*. Esta adoita estar producida por enfermidades infecciosas, aínda que tamén hai procesos febrís causados por intoxicacións, fenómenos de reabsorción etc.

É sabido que a febre non é unha enfermidade en si mesma senón só un síntoma inespecífico, que se acompaña normalmente doutras manifestacións clínicas: calafríos, taquicardia, taquipnea, inapetencia, sede, pelo ruzo, fociño seco e, cando a febre é alta (a partir dos 41-42ºC no vacún), de obnubilación sensorial.

9552 **escalofríos** *s.m.pl.* A nosa fonte non explica máis que "la vaca tiembla". O informante engade o tratamento que recolleu pero non nos proporciona ningún dato que explique tal síntoma e que nos permita identifica-la enfermidade: "Se le rompen huevos encima de la *cruz dos cadrís* y se la encierra en lugar que no le de el aire". É posible que estea a designar un proceso patolóxico concreto (quizais unha epilepsia) pero a falta de máis datos clasificámolo como síntoma xenérico dun proceso febril, aínda que tamén podería ser unha simple reacción ó frío, posibilidade que descartamos. (Vi-Val).

9553 **febre** *s.f.* Elevación da temperatura corporal por encima do normal para cada especie, producida, habitualmente, por algunha enfermidade infecciosa. A febre non é ningunha enfermidade en si mesma senón un síntoma dunha enfermidade. (Com1, Cre., Incio, Laxe, Marín, Noalla, Ram., SComba, Verdu).

9554 **frebe** *s.f.* Ver FEBRE /9553. (Caa., Cab., Com1, ERG, Gui., Mel1, Razo, San., Vil.).

9555 **escalofriar** *v.* A nosa fonte explica que "la vaca tiembla y el temblor puede ir en aumento". Velo comentario a ESCALOFRÍOS /9552. Estr3 engade que "se le rompen huevos encima de la *crus dos cadriles* y hay que encerrar a la vaca en un sitio aislado, sin que le dé el aire". A descrición do noso informante en Vi-Val é practicamente a mesma. (Estr3, Vi-Val).

9556 **te-lo morro sudador** *loc. v.* Ter febre [os animais]. Sábese polo aumento da humidade do fociño. (Gro4).

8.8.6. Diarrea

A diarrea é a eliminación anormalmente frecuente de feces líquidas ou semilíquidas. Máis que unha enfermidade en si é un síntoma dunha enterite ou dunha enfermidade específica (infecciosa, parasitaria, dietética etc.) na que a diarrea é un síntoma máis. A súa gravidade débese á perda de líquidos (que orixina unha deshidratación, ás veces mortal) máis que á perda de nutrientes ou á falta de absorción dos alimentos. Nos becerros, a diarrea neonatal é a enfermidade máis grave e de peor prognóstico: calcúlase que o 60% das mortes durante a primeira semana de vida é debido a diferentes procesos que cursan con diarrea e, ademais, produce importantes perdas económicas [327].

[323] Llópiz recólleo en Malvas (Tui).

[324] *Cabra coxa non quer sesta, e se a toma, mal lle presta* (ZM:48).

[325] MRV:50.

[326] Na hipertermia hai unha elevación da temperatura por alteración dos mecanismos de regulación internos. Pode deberse a moita calor ambiental, exercicio intenso, fármacos que afecten á sudoración ou á vasodilatación, a certas enfermidades metabólicas (hipertiroidismo) etc. En casos extremos, pode ser mortal.

[327] EY-MLS: 29-38.

Na gandería tradicional, se o animal enfermo bebe ben, danlle de beber dúas mancheas de borralla peneirada con outras dúas de fariña, mesturado todo nunha botella de auga (Cam1). O informante di que así cura nun día e, en efecto, a borralla posúe un coñecido efecto absorbente do líquido intestinal nos casos de diarreas. Becoña tamén di que, para cura-las diarreas, dánlle a beber ós animais cinsa fervida nun pouco de auga (EBI:298), que é un produto moi absorbente talmente coma o carbón activado que receitan os médicos.

Outros remedios son darlles a beber algún destes produtos:

- Auga de arroz (Arc1), remedio amplamente utilizado cos meniños [328].
- Viño do país (Arc1). A súa eficacia deriva do tanino que contén o viño, por iso é mellor o tinto, que ten máis.
- Cocementos de cocos ou bugallos (Camb1:52; Castre.) ou de entrecasca de carballo (Sete-S), tamén ricos en tanino.
- Cocemento de cebada con mel, follas de chantaxe (*Plantago* spp) e clorato potásico (AGS:91). Infusión de cebada fervida ou de seixebra (Ctel1).
- Infusión de *baloques* [329], de raíz de *corbito* [330], grans de cebada torrados, raíz da tomateira ou auga de solda (consolda, néboda, *Pontentilla erecta*) (Sete-S). En Arcade, raíces de tomateira, cocidas (Arc1 [331]).

Ou danlle de comer comidas secas (Medín), farelos centeos (Ribó), centeo moído en seco ou herba seca (Arc1).

En Novefontes (Nove.) danlle xofre envolto nunha folla de verza, ou a camisa dunha cobra, tamén nunha folla de verza, ou ouriños dunha persoa.

9557 **biarrea** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Com1, Cur., Gui., Per., Sob).
9558 **biarrera** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Cur.).
9559 **caganeira** *s.f.* Ver CAGARRÍA /9562. (Mez).
9560 **cagarela** *s.f.* Ver CAGARRÍA /9562. (Com1).
9561 **cagarrela** *s.f.* Ver CAGARRÍA /9562. (Com1).
9562 **cagarría** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Común).
9563 **cagarriza** *s.f.* Ver CAGARRÍA /9562. (Xun.).
9564 **cagharreta** *s.f.* Ver CAGARRÍA /9562. A nosa fonte escribe *cajarreta*. (Medín).
9565 **caimbra** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CÁMARAS /9566. (VLLM).
9566 **cámaras** *s.f.pl.* Ver DIARREA /9578. Coñecemos esta palabra aplicada ó porcino e co valor de feces sanguinolentas; non podemos excluír que tamén se aplique ó gando vacún. (ERG, Ver5).
9567 **cicha** *s.f.* Ver CISCA /9570. (Com1, Toba).
9568 **cicho** *s.m.* Ver CISCA /9570. (Com1, Gro1).
9569 **ciriluada** *s.f.* Excremento dunha vaca afectada de diarrea. (Made).
9570 **cisca** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Cal., Carr-G, Mez., Mra., Pantón, Ribó).
9571 **cisqueira** *s.f.* Ver CISCA /9570. (Lobi., Lobi2, Xun.).
9572 **derrea** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Suarna).
9573 **descomposición** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Com1, Gro1, Gud.).
9574 **desentérea** *s.f.* Ver DISENTERÍA /9581. (Com10).
9575 **desentería** *s.f.* Ver DISENTERÍA /9581. (Arca).
9576 **despello** *s.m.* Ver DIARREA /9578. (Gud.).
9577 **destemplación** *s.f. euf.* Ver DIARREA /9578. *De modo e maneira que hoxe non pode habere comédeas, i eu, pra mañán non podo agardar, porque teño unha toura, con premiso, cunha grandísema destemplación, e se eu non a coido, se cadra mórreme. ¡No, ser... fixen un bo viaxe!*. (PL8:188).
9578 **diarrea** *s.f.* Evacuación frecuente de excrementos líquidos ou semilíquidos. (Común).
9579 **diarreira** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Com1, Guil2).
9580 **diarrera** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Gro2).
9581 **disentería** *s.f.* Ver DIARREA /9578. Non se debe denominar *disentería* a calquera diarrea. Con este nome desígnase un proceso diarreico específico caracterizado por feces moi acuosas, con sangue e mucus, así como unha forte dor

[328] Probablemente, todos temos recorrido algunha vez a este remedio natural para coutar un episodio de diarrea. Hoxe a súa eficacia está cientificamente probada: a Organización Mundial da Saúde recomenda a administración de arroz (50 gramos de arroz comercial nun litro de auga, fervendo durante dez minutos) e sales minerais (electrólitos) como o remedio máis eficaz para a redución do gasto fecal en pacientes con diarrea e posterior rehidratación.

[329] Supoñemos que con este nome se designa en Reboredo-Sarria a dixital ou croques, aínda que na abondosa sinonimia que lle coñecemos non aparece o nome de *baloques* (si *baloca*, *baloco* e *balocos*). Non obstante, o certo é que a dixital (*Digitalis purpurea*) non ten as flores amarelas como describe o informante de Reboredo, senón púrpuras, mentres que unha especie próxima, a *Digitalis grandiflora*, si que as ten desta cor. En calquera caso, non sabemos doutras propiedades medicinais destas plantas cás de ser estimulante cardíaco. Esta é a única propiedade terapéutica que lle recoñece Font Quer e aínda así aconsella que só se use baixo vixilancia médica, xa que as doses medicinais desta planta están moi próximas ás tóxicas (FQ:622).

[330] Non podemos identificar esta planta.

[331] Tampouco sabemos que propiedades poderá te-la raíz da tomateira no tratamento da diarrea. Ningún dos textos sobre medicina tradicional que consultamos lle atribúe máis virtudes cás correspondentes á súa riqueza vitamínica, referida, naturalmente, ó froito.

abdominal e, ás veces, febre. Na clínica bovina non se utilizaría nunca este diagnóstico. (Noalla).

9582 **escagarriñeira** *s.f.* Ver CAGARRÍA /9562. (Caa).

9583 **foira** *s.f.* Ver DIARREA /9578. Pola cantiga que citamos e polo étimo latino *foria, foriorum*, supoñemos que esta palabra debe de conservalo significado latino de "excrementos líquidos". (Ancares2, CP, ERG).

9584 **foirica** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Ancares2).

9585 **forriqueira** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Com1).

9586 **furrica** *s.f.* Ver DIARREA /9578. ERG aplica este término só ó excremento humano, brando e diarreico. (Com1, Sarria4, Toba).

9587 **furricaina** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Lan.).

9588 **furriqueira** *s.f.* Ver DIARREA /9578. (Goián, Mez).

9589 ***cagaleira** *s.f.* Ver CAGARRÍA /9562. (Oirós).

9590 ***cagalera** *s.f.* Ver CAGARRÍA /9562. (Burón, Cal., Com1, Incio, Ped1).

9591 **enciscada** *adx.* [Vaca] con diarrea. (Ctel1).

9592 **escagharrillada** *adx.* [Vaca] con diarrea. (Arc4).

9593 **esfurriacada** *adx.* Ver ESFURRICADA /9594. (Piquín).

9594 **esfurricada** *adx.* [Vaca] con diarrea. En Cal. só aplican o adxectivo *esfurricado* ó porco. (Común).

9595 **cagarruarse** *v.* Ter diarrea. (ERG).

9596 **ciriluar** *v.* Ver CIRLAR 2 /9597. (Made).

9597 **cirlar 2** *v.* Defecar [un animal] con diarrea. (Piñ., Piquín).

9598 **cirluar** *v.* Ver CIRLAR 2 /9597. (Cubi).

9599 **ciscarse** *v.* Ter diarrea. (ERG).

9600 **descompoñerse 1** *v.* Ter diarrea. (Com1, Cur., Dum., Gro1, Ram., Sob).

9601 **desfondarse** *v.* Ter diarrea. (PAre1).

9602 **escagarrarse** *v.* Ter diarrea. (ERG).

9603 **escagarriarse** *v.* Ter diarrea. (Com1, ERG, San., Sob).

9604 **escagarriñarse** *v.* Ter diarrea. (ERG, Feás-A).

9605 **escagarrizarse** *v.* Ter diarrea. (Mel1, Mra., Nove., Piquín, Ram.).

9606 **escagarruarse** *v.* Ter diarrea. (ERG).

9607 **esfoirar 2** *v.* Defecar [as reses que teñen diarrea]. (Piquín).

9608 **esforricarse** *v.* Ter diarrea. (CP, ERG).

9609 **esfurricarse** *v.* Ver ESFORRICARSE /9608. (Cal., ERG, Mon., Nove., Pantón).

9610 **andar coma unha calexa** *loc. v.* Ter diarrea [unha vaca]; andar moi solta. (Dozón).

9611 **andar con cisca** *loc. v.* Ter diarrea [unha vaca]. (Ancares3).

9612 **andar *blando** *loc. v.* Ter diarrea [un becerro]. (Gond).

9613 **ir brando** *loc. v.* Ter diarrea [un animal]. (Cam1).

Marianiña, pé de galiña,
Marta de craba, pé de guitarra,
foi ó escorregadoiro, escorregou
i encheuse de foira,
e trémelle o cu como unha devandoira. [332]

8.8.7. Inapetencia

Para cura-la inapetencia ou fastío do gando, os gandeiros cámbianlles de pasto (Casal.) ou lévano a un monte con carqueixas (*Chamaespartium tridentatum*) (PCal2, ERG [333]). De Caritel levaban as vacas a Cortegada (na parroquia de Verducido, A Lama) a beber auga de carqueixa. En Cambados danlle de comer estrugas (Camb1:52, Castre.). Outro remedio é darlles de beber á vaca auga na que puxeron a ferver ferros enferruxados (Ctel1) ou salmoira (Ancares2:199).

Tamén disque é bo o rizoma do ácoro (ou espadana, *Acorus calamus*) (AGS:30), polo seu sabor amargo e olor aromático agradable, que actúa como estimulante do apetito, facilitando a dixestión.

Remitímo-lo lector á epígrafe 8.5.10., na que falamos da *indixestión*.

Falando do gando que non come, nin bebe e gomita, presta le-los versos que Fortunato Cruces titula *Un milagre* (16.1.).

9614 **fastío** *s.m.* Inapetencia. (Pad2, PCal2, Pont., Saln.).

9615 **carqueixa boieira** *s.comp.f. Halimium lassianthum*. Ver nota na epígrafe 8.1.4. *Plantas medicinais*. (Común).

9616 **fasteada** *adx.* Ver FASTIADA /9617. (Arc1).

9617 **fastiada** *adx.* [Vaca] inapetente, que non come. (Ver2).

9618 **desherbar 2** *v.* Cambiar de pasto [ó gando] cando está inapetente. "Cuando nuestros campesinos advierten que el ganado tiene hastío al pasto

[332] VD:300. No texto: *marta, ô escorregadoiro, i-enchéuse, cú*.

[333] *Tiene la propiedad de ser muy medicinal... el cocimiento de la flor es bueno para el mal de orina, dolores de vientre y resfriados; úsase además para curar la inapetencia del ganado vacuno y caballar, bastando que la coma en el mismo monte donde crece para recobrar el apetito... sus flores son además eméticas, purgantes y tónicas* (ERG:carqueixa).

común, suelen llevarlo a un paraje donde haya CARQUEIXAS, pues así que come éstas le desaparece la inapetencia, según han podido comprobar. A esto le llaman ellos *levalo gando a desherbar*". (ERG).

9619 **festiar** *v.* Perde-lo apetito [os animais]. *Festían* as porcas ó pariren. Tamén se di *ter festío*. (Saln.).

9620 **herbar 2** *v.* Ver DESHERBAR 2 /9618. O noso informante escribe exactamente: "Herbar: Dejar de comer --- cambiar de pasto". Supoñemos que nos quere dicir que cando as vacas deixan de comer, o que fan alí é cambialas de pasto, acción á que chaman *herbar*. (Casal.).

9621 **levar a desherbar** *loc. v.* Levar [o gando] a comer carqueixa cando perde o apetito. (Ctel1, ERG).

9622 **ter festío** *loc. v.* Estar inapetente [un animal]. Aplícase tamén ás persoas. (Pad2, Pont., Saln.).

Boi lucidío, nunca ten fastío. (VLLM:1,134)
Boi lucido, non coñez fastío. (VLLM:1,134) [334]
O boi afartado non proba bocado. (VLLM:1,146) [335]
O boi farturado/farto non proba bocado. (VLLM:1,146) [336]

8.8.8. Dispnea

Consiste nunha respiración anómala (disfórica) e patente, en contraposición coa respiración normal (eufórica).

Pódese falar dunha *dispnea inspiratoria*: por dificultades mecánicas nas vías respiratorias altas; *dispnea expiratoria*: por dificultades nos movementos pasivos do pulmón para expulsa-lo aire (coma tal, no enfisema); e *dispnea mixta*, como nas broncopneumonías ou insuficiencias respiratorias.

Non debemos confundi-la dispnea de carácter patolóxico, como síntoma dunha enfermidade (pneumonía, tuberculose, complicacións da glosopeda etc.) coa respiración forzada que ás veces se pode observar despois dun esforzo ou dun exceso de traballo. Unímo-las voces sen discrimina-las causas, porque é de supoñer que as denominacións populares desta dificultade respiratoria serán as mesmas sexa cal sexa a causa que as provoque: seguimos nisto un criterio máis lingüístico que clínico.

9623 **afriximento** *s.m.* Sufocación, abafo. (Arcos).

9624 **alasamento** *s.m.* Sufocación que se manifesta na dificultade para respirar. (Arcos).

9625 **atafego** *s.m.* Sufocación, dificultade respiratoria. (ERG).

9626 **gorgoleira 2** *s.f.* Dispnea, dificultade respiratoria. (Meaño2).

9627 **pulmoeira 4** *s.f.* Calquera enfermidade pulmonar das vacas. (Dum., Mel1, Toba).

9628 **roncexo** *s.m.* Ver ROUQUÉN /9630. (Piquín).

9629 **roucexo** *s.m.* Ver ROUQUÉN /9630. (Martín).

9630 **rouquén** *s.f.* Dificultade respiratoria. (Corz).

9631 **afogueirado** *adx.* [Gando] que está moi sufocado despois de traballar. (Parade.).

9632 **afrontado** *adx.* [Animal bovino] con dispnea. (Gond., Gro2).

9633 **ampeado** *adx.* [Boi] esgotado, fatigado. *Nobres almallos meus, case ampeados con tan brava labor* (JIR:8). (JIR, VLLM).

9634 **empeada** *adx.* [Vaca] que anda cansa. (Ctel1).

9635 **enseada** *adx.* [Vaca] que anda cansa. (Ctel1).

9636 **fogosa 1** *adx.* [Vaca] que se fatiga ó andar por ter unha lesión pulmonar ou de corazón. (Sou1).

9637 **forxeadora** *adx.* [Vaca] con dificultades respiratorias. (Ctel1).

9638 **roncexón** *adx.* [Animal] que roncexa. (Piquín).

9639 **tafegueiro** *adx.* [Boi] ampeado. Ver comentario a ACORAR /9642. (MN).

9640 **abafar** *v.* Ver AMPEAR /9649. A nosa fonte en Noalla define *abafar* como "asfixiarse la vaca". (Gaxate, Noalla, Verdu).

9641 **acalmar** *v.* Ver AMPEAR /9649. (Piquín).

9642 **acorar** *v. Ú. t. c. s.* Ampear, fatigarse ó andar por lesión pulmonar ou de corazón. *Cando o automóvil de liña, que puña en contaito á vila de Tamarica co resto do mundo, unha mole marela, chea de lorda i esmagullada por todos os cantos, deixóu ouvir unha xorda trepidación, semellante ao acorar dun boi tafegueiro, os tamaricos que se achaban folgando -que eran cáxeque todos- endereitáronse á Praza da Constitución onde aquil paraba* (MN:323). (Com1, CP, ERG, MN, Ped., Razo, Saln., Toba).

9643 **acorexar** *v.* Ver ACORAR /9642. (Cab.).

[334] Llópiz recolle este e o anterior en Monforte (Rozabales e Canedo respectivamente).
[335] Llópiz explica que neste caso *afartado* ou *farturado* significan animal que perdeu o apetito e que nin come no prado nin na corte.
[336] Recólleo de E. Fuciños en Antas (Lugo).

9644 **afolsear** *v.* Ver AMPEAR /9649. (Mánduas).
9645 **afrontar** *v. Ú. t. c. prnl.* Respirar dificultosamente. (Caa., Com1, Cre., Feás-A, Gui., Mel1, Oroso2, Sob).
9646 **alacadar** *v.* Respirar fatigosamente. (Cou1, Incio, Lemos2).
9647 **alansar** *v.* Ver ALASAR /9648. (Mon).
9648 **alasar** *v.* Ampear, respirar fatigosamente. (Burón, Cal., Fri., Gui., Gun., Lan., LG, Pantón, Suarna).
9649 **ampear** *v.* Fatigarse ó andar por unha lesión pulmonar ou de corazón. (Común).
9650 **ancorar** *v.* Ver ACORAR /9642. (Com1).
9651 **apear 3** *v.* Ver AMPEAR /9649. (Saln.).
9652 **arquear** *v.* Ver ARQUEXAR /9653. (Burón, Com1, Sob).
9653 **arquexar** *v.* Ampear, respirar con dificultade e moi rápido, movendo moito as costas. (Cab., Gui., Lan., PAre1).
9654 **asucar** *v.* Ver AMPEAR /9649. (ERG).
9655 **bafexar** *v.* Ver AMPEAR /9649. (ERG).
9656 **calmear** *v.* Ver AMPEAR /9649. (Com1, ERG, Les., Razo, SComba).
9657 **encorar** *v.* Ver ACORAR /9642. (SComba).
9658 **escorexar** *v.* Ver ACORAR /9642. (Vala).
9659 **estafar** *v.* Respirar dificultosamente. (Tebra).
9660 **golguexar** *v.* Facer ruído [os enfermos] ó respirar. (Arcos).
9661 **gorgolexar** *v.* Ver GOLGUEXAR /9660. (Arcos).
9662 **inar 1** *v.* Respirar dificultosamente. (Camb3., Pont5).
9663 **ofegar** *v.* Respirar con dificultade. (ERG).
9664 **roncexar** *v.* Respirar con ruído a causa dalgunha dificultade respiratoria. (Piquín).
9665 **roucexar** *v.* Ver RONCEXAR /9664. (Martín).
9666 **estar afrontado** *loc. v.* Respirar con dificultade. (Cur.).
9667 **estar asmada** *loc. v.* Respirar fatigosamente. (Baltar).
9668 **ser como unha forxa** *loc. v.* Faltarlle a respiración [a unha vaca]. (Común).

Ao boi ampeado, mollalo. (VLLM:1,128) [337]
Ao boi ampeado, sáfallo do arado. (VLLM:1,128) [338]
Boi marelo lourado, primeiro morto que ampeado. (VLLM:1,134) [339]
O que na estrada semea, perde o grao e os bois ampea. (VLLM:1,148) [340]
O que semea no camiño, ampea os bois e perde o millo. (VLLM:1,149) [341]

8.8.9. Linfoadenite

O sistema linfático constitúe un dos principais elementos de defensa do organismo contra a invasión dos axentes infecciosos, e dentro del, os ganglios linfáticos representan verdadeiras barreiras físicas ó avance das infeccións no torrente circulatorio, de tal xeito que calquera tumefacción ganglionar, ou infarto, debe interpretarse, case sempre, como unha reacción inflamatoria de carácter defensivo e, polo tanto, indicativa dunha enfermidade infecciosa. Determinadas enfermidades de tipo crónico, como a tuberculose, caracterízanse por unha infartación ganglionar moi evidente pero, en calquera caso, a exploración dos ganglios linfáticos accesibles á palpación externa forma parte do exame do gando no momento do trato, para facerse unha idea do seu estado de saúde.

As linfoadenites poden ser agudas ou, máis frecuentemente, crónicas e débense á inoculación directa dos xermes no ganglio ou a unha infección indirecta a partir dun proceso patolóxico distante. Neste caso, a linfoadenite prodúcese sempre no ganglio ou cadea ganglionar que recolle os vasos linfáticos eferentes do órgano ou tecido infectado.

9669 **cangrio** *s.m.* Ganglio linfático infartado. (Sou3, Vboa).
9670 **crecenza** *s.f. Ú. m. en pl.* Ganglio linfático infartado. (Toba).
9671 **crófola** *s.f. Ú. m. en pl.* A nosa fonte define como "bultos delante de la pata delantera". Engade que "no curan". Aínda que con esa definición poderiamos clasificalo como sinovite (inflamación da cápsula sinovial dos xeonllos, que se manifesta cun avultamento brando nese punto), considerámolo como linfoadenite pola similitude con *escrófulas*: inflamación dos

[337] Llópiz: *mollal-o*.
[338] Este refrán di Llópiz que o recolleu da *Zootecnia vet*., publicada en Lugo por Rof Codina. *Safar do arado* significa *desuncir a los bueyes del yugo del arado para que descansen y se repongan*.
[339] Recólleo en Lama de Rei (Mosteiro, Cervantes); explica que *marelo lourado* é *color de piel melado*; e *ampeado* é *agotado, aniquilado por la fatiga*.
[340] Llópiz explica que *ampea-los bois* ten aquí o sentido transitivo de fatigalos excesivamente; recólleo de A. Valenzuela Ozores.
[341] Llópiz dá esta var. na que volve aparece-lo verbo *ampear* como transitivo. Recóllea en Serantellos, ó pé de Ferrol, de Evaristo Mayobre.

ganglios linfáticos como consecuencia dunha enfermidade infecciosa crónica. (Mondo2).

9672 **gándola** *s.f. Ú. m. en pl.* Ganglio linfático preescapular infartado. Parece ser corrupción por *glándula*. (Noalla3).

9673 **glándula** *s.f. Ú. m. en pl.* A nosa fonte defíneo como "vultos que lles saen ás vacas na cara externa das patas de diante". Anca. responde así no cuestionario do ILG á pregunta "Vultos que lles saen ás vacas na cara externa das patas de diante". Car2 responde coa voz *ghlándula enflamada*. Noutros casos clasificaríamos estas respostas como sinovite pero parécenos máis probable que os nosos informantes estean a falar realmente dunha inflamación dos ganglios linfáticos (que non *glándulas*), que, en definitiva, tamén se poderían describir como vultos nas patas de diante (diante das mans). (Anca).

9674 **lagartixa 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Vulto que lles sae ás vacas na parte alta das patas dianteiras. O informante di que adoita ser mortal. O noso informante diferencia así as *lagartixas* doutra patoloxía que denomina *lurpia* e que tamén consideramos como adenite: "LURPIA: bulto en la parte alta de las patas delanteras; son pasajeros. Las LAGARTIXAS son otros bultos situados aproximadamente en el mismo lugar de los anteriores pero sus consecuencias suelen ser mortales". (Negral).

9675 **lagarto 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ganglio linfático precrural e preescapular cando están infartados. Algunha das nosas fontes definen os *lagartos* como vultos que lles saen ás vacas na cara externa das patas. Entendidos como ganglios linfáticos infartados, estes vultos sitúanse realmente por diante das patas dianteiras. (Común).

9676 **lagharto 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver LAGARTO 1 /9675. Os nosos informantes escriben *lajarto*. O informante en Lagar. di que é "inflamación peligrosa que de no cortarla a tiempo llega a producir cancer" e ilustra a descrición cun debuxo no que sinala claramente os ganglios linfáticos preescapulares. O de Noia descríbeos como "cousas que nacen diante do cuello das vacas". (Lagar., Noia).

9677 **lamparón 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ganglio linfático do pescozo infartado. A nosa fonte recolle a forma de plural *lamparós*. (Caa).

9678 **landa** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver LANDRA /9679. Estr3 explica: "Bultos que le salen a la vaca (o buey) delante de las patas delanteras y en las traseras. No existe terapéutica. Si no se les pasa, no sirven para nada y hay que venderlas para el matadero". (Estr3, Vi-Val).

9679 **landra** *s.f.* Ganglio linfático infartado, que avulta ó exterior como unha landra. (Cam1, ERG, Feás-A).

9680 **landria** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver LANDRA /9679. (VLLM).

9681 **lurpia** *s.f.* Vulto que lles sae ás vacas na parte alta das patas dianteiras. O informante di que non é cousa grave. Ver LAGARTIXA 2 /9674. (Negral).

9682 **medra 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ganglio linfático precrural ou preescapular, cando están infartados. (Cam1).

9683 **olanda** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver LANDRA /9679. Supoñemos que é unha evolución popular da palabra *landa*, máis común como *landra*, froito do carballo. (Cam1).

9684 **orbo** *s.m.* Ver ORGO 1 /9686. (CP).

9685 **órgano 1** *s.m.* Ver ORGO 1 /9686. (CP).

9686 **orgo 1** *s.m.* Ganglio linfático infartado. ERGa recolle o diminutivo *orguiños*. En Cam1 designan como *orgos* os ganglios linfáticos cervicais, infartados. Tamén en Compostela, *ter orgos* significa ter bocio. (Cam1, Com1, CP, ERGa).

9687 **perota** *s.f.* Ganglio inflamado. Escrófula sen rebentar. (LP).

9688 **perótega** *s.f.* Ver PEROTA /9687. (LP).

9689 **sumida** *s.f.* Linfoadenite: vultos que saen por inflamación dos ganglios. Na xente aparecen na cara interior de coxas ou brazos. (Ctel3).

9690 ***almoadilla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ganglio infartado nas coxas. Corresponde co ganglio linfático precrural. Resulta máis común denominar *almoadillas* ou *almohadillas* as inflamacións das capsulas sinovias do xeonllo ou da bésta, pero neste caso a descrición que nos dan os nosos informantes fainos cambia-lo diagnóstico. Ribe2 define *almohadillas* como "enfermedad que le sale en la cadera", e Lagar. ilustra a voz *almoadilla* cun debuxo no que a parte que se inflama está nas coxas. Nestes dous casos preferimos clasifica-la voz como adenite, infarto dos ganglios linfáticos precrurais, como consecuencia de enfermidades infecciosas crónicas, como tal, dunha tuberculose. Estes ganglios están situados a uns 10-15 cm por riba da virilla, máis ou menos onde os sitúa o debuxo do informante de Lagartóns. (Lagar., Ribe2).

9691 ***parexo 2** *s.m.* Ganglio linfático situados na zona do encontro entre o pescozo e o tórax. Quizais a denominación aluda ó feito de que se trata dun ganglio par, a ámbolos lados do pescozo, que, cando se inflama, faino de modo simétrico. (Feás-A).

9692 **ghlándula enflamada** *s.comp.f.* A nosa fonte escribe *jlándula enflamada* e defíneo como

"vultos que lles saen ás vacas na cara externa das patas". Ver GLÁNDULA /9673. (Car2).

9693 **te-las landras** *loc. v.* Ter [unha vaca] os ganglios linfáticos infartados. (Cam1).

9694 **te-las medras 2** *loc. v.* Ter [unha vaca] inflamados os ganglios linfáticos precrurais e preescapulares. (Cam1).

9695 **te-lo cangrio** *loc. v.* Ver TE-LAS LANDRAS /9693. (Sou3, Vboa).

8.8.10. Tose

A tose é unha expulsión violenta e ruidosa do aire contido nos pulmóns. Pódese deber a unha chea de causas: irritación da larinxe por corpos estraños (coma o po do penso), exceso de mucus, edema da glote, inflamación dos bronquios (bronquite) ou dos pulmóns (pneumonía), parasitos pulmonares, alerxias etc. Ademais, a tose é un síntoma común a moitas enfermidades infecciosas.

En Caritel, ás vacas que tosen dinlle *¡San Antonio!,* como pedindo a protección deste santo avogoso do gando. Á xente díselle *¡Santiño!* ou *¡Salú!* nas mesmas circunstancias (Ctel1).

Os tratamentos que temos recollidos contra a tose son os seguintes:

- Darlle de comer os couselos das pedras (*Umbilicus rupestris*) (Arc1). En Callobre, herba seca (Callo.), e en Folgoso danlle un réxime alimenticio a base de herba seca, palla e auga quente con fariña, e procuran que non se molle (Fol-C).
- Darlle de comer pan de millo envolto en xofre (Noalla3).
- Darlle un cocemento de romeu (*Rosmarinus officinalis*), viño e mel quente (Sabu2). Este mesmo remedio utilízase tamén na xente.
- Darlle de beber auga de ferver follas de eucalipto, xa morna (Cam1). En Cabanelas danlle auga de nogueira e eucalipto (Caban.). Cómpre lembrar que o eucalipto posúe propiedades balsámicas evidentes e axuda a resolve-los problemas respiratorios fluidificando as secrecións bronquiais pero o seu efecto por vía dixestiva é moito menor que en vapores.
- Ou darlle de beber mexo da xente (Callo., Figue1). En Callobre sinalan que debe ser co mexo de tódolos da casa, é dicir, canta máis mellor.

As camisas de cobra, das que xa temos falado anteriormente, tamén son boas para cura-la tose. Nuns sitios, danlle a comer á vaca directamente a camisa da cobra (Noalla3, Cerd2, Ctel1, Lucí, VLQ:315). En Arcade especifican que debe ser picada e mesturada con fariña milla (Arc1).

Risco recolle con este fin o uso do caldo feito coa carne da cobra, quitada a cabeza e mailo rabo; a carne cocida cómese á parte. E engade que o remedio é bo tamén para a tose ferina, a tise e maila reuma da xente [342]. Semellante uso recollen Cuevillas e Bouza Brey: *O caldo de camisa de serpe adminístrase... en Gundemil, Limia i-en Fontecarunda* (sic) [343]*, Arousa, contra a tós do gando. N-este último lugar fan que as reses tomen a camisa da serpe misturada con xofre e con pan ou outro alimento* [344]. Risco tamén cita o emprego dos rumeallos da barbantesa para cura-la tose do gando (VR:171 [345]) e reitera nun traballo de 1957 a mesma información [346].

En Vimianzo (Baíñas) mátase unha galiña e fáiselle á vaca un caldo con ela e mais unto. Tamén lle dan auga de ourego (*Origanum virens*) e fariña de centeo e avea. Na Ramallosa (Lucí) danlle auga de unto. En Meilide (Cerd2) tratan a tose dándolle á vaca unha ra dentro dunha verza.

Llópiz recolle en Xiabre (A Estrada) dous refráns de interesante aplicación terapéutica, e que citamos a continuación, que acreditan o uso da tintura de xofre no tratamento da tose -ou de enfermidades que cursan con este síntoma-. Esta tintura faise con codelos resesos de pan e pos de xofre cocidos en viño ou, se non o hai, en auga; cando está fervendo a cachón métese unha camisa (*forra*) de cobra e o potingue dáse en forma de untura en quente no peito e nas costas do animal de paso que o menciñeiro reza os seus ensalmos.

---

[342] VR:182.

[343] Probable errata por *Fontecarmoa.*

[344] FC-FB: 186.

[345] Refírese Risco á posta de ovos da barbantesa (*Mantis religiosa*), que toma a forma dunha pequena bóla ovoide de natureza esponxosa, agochada baixo as pedras. Supón que o nome de *rumeallos* debe vir de aí, e que é posible que o emprego como menciña para as vacas obedeza á semellanza entre esa boliña e a saliva das vacas cando remoen.

[346] *Aseguran que* [la mantis religiosa] *pone las patas delanteras aniveladas, en forma de mesa, y que por la boca suelta una especie de baba con la que forma unos capullos llamados rumeallos, que sirven para curar la tos y para darle a las vacas cuando no rumian* (VR8:243).

9696 **tose 1** *s.f.* Expulsión espasmódica e ruidosa do aire do peito. *¿Ten tos? Esa si que lla ten o meu home, dígolle que non me deixa durmir de noite, fuma moitísimo, coma un carreteiro... e en ocasións ten unha tosiña coma a marela que temos na corte, boeno, fora a alma e a fe* (MRP:46). (Común).

9697 **tose 2** *s.f.* Enfermidade pulmonar da vaca. Como xa dixemos no apartado 8.3.12. *Tuberculose*, supoñemos que coa pregunta que facía o cuestionario do ILG: "Enfermidade pulmonar da vaca caracterizada por accesos de tose", pretendíase conseguir denominacións populares da tuberculose. Aínda así, existen moitas outras enfermidades respiratorias que tamén presentan este síntoma polo que non podemos confiar en que tódolos informantes desen a estas voces aquel significado. Ata tal punto parece estar identificada a *tose* coa tuberculose que existe unha fórmula de cautela no trato, expresada como *tose-gota-escornar* e que determina as dúas enfermidades (tuberculose e epilepsia) e un defecto de comportamento (*escornar*) que se consideran vicios redhibitorios e que invalidarían a venda se se presentaren. (Cab., Ced.Com1, Ctel1, Cur., Dum., Feás-A, Laxe, San. ILG:78 (C:37, LU:13, OU:9, PO:19)).

9698 **tosferina** *s.f.* Enfermidade caracterizada por accesos de tose. Evidentemente, esta *tosferina* nada ten que ver coa enfermidade humana do mesmo nome. (Caban).

9699 **tus** *s.f.* Ver TOSE 1 /9696. (Cur.).

9700 **tuse 1** *s.f.* Ver TOSE 1 /9696. (Cab., Com1, Ram., Vala).

9701 **tuse 2** *s.f.* Ver TOSE 2 /9697. (Amandi, Cang2, Figue2, Fre., Neves2, Sisán, Vil.).

9702 ***tos 1** *s.f.* Ver TOSE 1 /9696. (Común).

9703 ***tos 2** *s.f.* Ver TOSE 2 /9697. (Com1, Goián, Gud., Incio, Salv3. ILG:32 (C:18, LU:5, PO:9)).

9704 ***tos ós bronquios** *s.comp.f.* Ver TOSE 2 /9697. (Neves2).

9705 **tosir** *v.* Ver TUSIR /9707. (ERG).

9706 **toxer** *v.* Ver TUSIR /9707. (Enxames).

9707 **tusir** *v.* Expulsa-lo aire mediante un golpe espasmódico. (Amandi, ERG, Gro1, JASA, VLLM).

9708 ***toser** *v.* Ver TUSIR /9707. (Gro1, Laxosa).

9709 **ter tos** *loc. v.* Ver TUSIR /9707. (Negra., PSil, Ribe2, Vala1).

Cando o boi na eira non tusa, mal lle vai á ucha. (VLLM:1,137) [347]

Ó boi que tose na corte, dálle no peito co unto do uixofre. (VLLM:1,129) [348]

Se o boi che tuse na corte, dálle ó peito mistura de xofre. (VLLM:1,153) [349]

Se o boi che tuse na corte, úntalle ó peito tintura de inxofre. (VLLM:1,153) [350]

8.8.11. Esbirros

O espirro é a consecuencia de despedir violentamente o aire dos pulmóns, por expiración involuntaria e repentina promovida por un estímulo mecánico sobre a membrana pituitaria.

9710 **esbilro** *s.m.* Ver ESBIRRO /9711. (Dum., Toba).

9711 **esbirro** *s.m.* Expulsión brusca de aire polas ventas, causada por irritación da mucosa nasal. (Cod).

9712 ***estornuxo** *s.m.* Ver ESBIRRO /9711. (Xun.).

9713 **albirrar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Com1).

9714 **asbirrar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Com1).

9715 **erbichar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Com1).

9716 **esbichar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Com1, Mel1, San.).

9717 **esbichiar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Feás-A).

9718 **esbichoar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Fri., Vilaf).

9719 **esbidrar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Gui.).

9720 **esbilrar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Com1, Dum., Gro1, Sob., Toba).

9721 **esbirrar** *v.* Botar estrepitosamente pola boca e polo nariz o aire dos pulmóns. (Cod., Com1, Cur., Fri., Laxe, Mon., Nove., Razo, Sob).

9722 **esbirriar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. *Muller que asubía, vaca que esbirría e galiña que canta coma un capón, na miña casa, non*. (EGE:103).

9723 **esperrear** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Gud., Mez).

9724 **espirrar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Goián, Gun., Marín).

9725 **espirriar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Vil.).

9726 **espurrar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Ced).

9727 ***estornidar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Caa., Per).

9728 ***estornudar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Gud., Incio, Porto).

9729 ***estornuxar** *v.* Ver ESBIRRAR /9721. (Xun.).

---

[347] Llópiz explica que cando o boi non tose durante a malla, vese que as espigas (de trigo ou centeo) teñen pouco barbelo, a colleita é ruín e iso vaise notar ó garda-lo gran na ucha. Recólleo da *Monografía da Capela* de A.A.A. Cabe outra explicación, non obstante, tendo en conta o valor figurado de *tusirlle a alguén*, veremos en refráns semellantes no apartado 9.2.1. *Eloxio da propiedade.*

[348] Llópiz: *Ao, dalle*; explica que é remedio que se usaba na comarca montañosa de Castrove entre Arousa e Pontevedra para lles cura-lo *aire* ás vacas e bois.

[349] Llópiz: *ao*.

[350] Llópiz di que é fórmula curativa que recolleu en Xiabre (*preto da Estrada*- di el).

Boi que espirra, o tempo revira. (VLLM:1,135) [351]
Bois que espirran no arado, tempo trocado. (VLLM:1,135) [352]
Bois que espirran no carro, tempo revirado. (VLLM:1,135) [353]
Cando a canga espirra, o tempo revira. (VLLM:1,137) [354]
Cando espirran os bois, troca o tempo a pior. (VLLM:1,137) [355]
Cando o tempo anda á vira, os canciles espirran. (VLLM:1,138) [356]
Cando o tempo revira, os bois nos canciles espirran. (VLLM:1,138) [357]
Cando os bois espirran, o tempo revira. (VLLM:1,137) [358]
Muller que asubía, vaca que esbirría e galiña que canta coma un capón, na miña casa, non. (EGE:103) [359]

8.8.12. Outras

9730 **bosincha** *s.f.* Vexiga que se levanta en calquera parte do corpo. (Maía).
9731 **inchazo 1** *s.m.* Vulto formado pola inflamación dun tecido do corpo animal. (Xun1).
9732 **intumescencia** *s.f.* Tumefacción, inchazón. (ERG).
9733 **romieu 2** *s.m.* Perda da remoeira. Pode ser síntoma de indixestión ou doutras moitas enfermidades. (Ancares2).
9734 **cariada** *adx.* [Peza dentaria] careada. (Noalla).
9735 **entimirse** *v.* Incharse [un órgano ou parte do corpo] por inflamación. (CP).

8.9. Accións e trebellos do veterinario e do menciñeiro

8.9.1. O veterinario

O veterinario, terapeuta profesional do gando, é unha figura imprescindible alí onde hai gando. E xa na Idade Media circulou un *Tratado de albeitería* en galego, aínda que referido ó gando equino, polo menos na parte que se conserva (JLPT8). Con todo, a formación profesional regrada pola Universidade debe de ser, no que toca á gandería tradicional galega, relativamente recente. En Galicia non existiu máis que no período 1882-1924 en Santiago e, dende 1984, no campus de Lugo [360].

---

[351] Recólleo de Intendente Roldán en *Observaciones agrícolas para marineros* (Ferrol 1834).

[352] Llópiz: *qu'espirran*; recólleo de V.C. en Ordes (1916).

[353] Llópiz: *qu'espirran*; recólleo de A. Valenzuela en *Ganadería*.

[354] Recólleo en Sarandóns.

[355] Recólleo en Ordes.

[356] Llópiz: *â*. Podiamos pensar que, cando empeora o tempo os bois espirran e iso fai que se movan os cancís do xugo. Non obstante parece máis axeitado pensar nunha traslación estilística pola que os cancís (coma a canga nun refrán anterior) simbolizan o boi que leva entre eles a súa caluga. Recólleo en Sarandóns.

[357] Llópiz recólleo en Cerceda.

[358] Llópiz recólleo de Intendente Roldán.

[359] Este refrán non nos explica o significado real da palabra *esbirriar* pero pola proximidade con *espirriar*, que forma parte da serie de variantes de *esbirrar*, non excluímos que se trate dunha variante máis de *espirrar*; e por iso o citamos aquí. A isto engádese que neste refrán combina con verbos que expresan unha acción das vías aéreas, *canta* e *asubía*. De todas formas non podemos descarta-la proximidade coa voz *esgurriar*, que forma parte doutra serie: *esborracar* / *esborrear* / *esborrecar* / *esburrecar* / *esburruar*, e da que Rivas Quintas di que é o brado previo ó ataque da vaca cos cornos. Téñase en conta que o feito de aparece-lo tal verbo *esgorriar* no verso imprecatorio *¡Malas vacas te esgorríen!*, emparellando esa acción con *trabar* (un can), *rabuñar* (un gato) e *furar* (un furaño), parece indicarnos que se trata da acción de atacar. Polo tanto, tamén podía ser que se aplicase á palabra *esbirriar* a explicación que Rivas Quintas dá para aquela palabra. Véxase tamén nota a rodapé ó refrán *Muller que asubía, vaca que esturría, e galiña que canta de capón, na miña casa, non* (apartado 3.2.12. *Embestir*).

[360] A Escuela Especial de Veterinaria de Santiago creouse en 1882, a petición da Deputación da Coruña, e funcionou no edificio de San Clemente (hoxe Instituto Rosalía de Castro) ó pé da feira do gando que se facía tódolos xoves na carballeira de Santa Susana. O feito de ter poucos recursos e poucos alumnos marcou a súa vida e mesmo houbo un intento de trasladala a Barcelona. Montero Ríos convenceu as catro Deputacións para crear bolsas que facilitasen o aumento de alumnos e a creación dun edificio propio, que se aproba en 1898, para o que se coloca a primeira pedra en 1903 e que se inaugura o 2.10.1915, funcionando ata 1924 como centro docente. O xeneral Primo de Rivera decidiu suprimila e convertela en cuartel. Homes da talla de Rof Codina reclamaron en 1929 a súa reapertura (JRC3) pero sen éxito. Aquel edificio é dende 1989 a sede do Parlamento de Galicia. En 1984 inaugurouse finalmente a Facultade de Veterinaria da Universidade de Santiago no campus de Lugo. Da actividade daquela primeira época véxase JdDGP.

Ata tempos recentes o gandeiro galego non dispuxo da axuda de técnicos dotados de formación universitaria. Ata mediados do século XX sempre o axudaron persoas entendidas, de formación extracadémica baseada exclusivamente na práctica: *As amatas do meu burro fixeron de min albéitar; A por de cortar collóns apréndese a capar.* Non estaría mal o principio se non levase, en moitas ocasións, o engadido inseparable de numerosos procedementos máxicos e relixiosos que carecen de todo valor terapéutico, máis alá do efecto placebo que pode funcionar no gandeiro pero non no animal. Eran coñecidos como *albeites* ou *menciñeiros* e esa denominación quedoulles en exclusiva, reservándose o título de veterinarios para os técnicos de formación universitaria. A situación é parella coa que se daba noutros ámbitos: as parteiras, os avogados das silveiras, os canteiros, que suplían a carencia de comadronas, avogados e arquitectos.

Hoxe todo o gando, dende a fecundación ata despois do sacrificio, está baixo o control dos veterinarios, que adquiriron na universidade unha formación teórica e práctica fundamentada no método científico, e que nese método fundamentan tódalas súas intervencións.

Manuel Mandianes Castro [361] relata deste xeito as relacións dos profesionais universitarios *de fóra* cos veciños da parroquia de Loureses, comparando a actitude e o comportamento dos *de antes*, integrados totalmente na vida social do lugar, cos *de agora*, que nin viven alí nin establecen ou permiten lazos culturais comúns coa xente. Fala primeiro dos médicos e logo dos veterinarios, dos que di o seguinte:

> *A xente acórdase tamén de dous veterinarios que viviron en Loureses cunha familia. Interesábanse por todo e sobre todo polos animais. Non eran galegos. Un era de Córdoba e outro de León, pero preguntaban á xente os nomes das enfermidades dos animais. Chegaban a aprende-los nomes dos animais, e preguntaban á xente polos animais que estiveran enfermos. Non se interesaban nin polas pitas, nin polos carneiros, nin polos cans; ó fin e ó cabo eses animais pouca importancia teñen para nós. Ían ás cortes ve-los animais, quedaban alí cos homes, e dábannos consellos para que nós mesmos os puidesemos coidar. Ámbolos dous sabían moitas cousas sobre dos animais.*
>
> *O veterinario que temos agora non vive aquí: vive en Xinzo de Limia. Non coñece as enfermidades dos porcos.*
>
> *"O Portugal", Don Ramiro [362] e os dous veterinarios que viviron en Loureses facían parte da nosa xente, chamaban a cada cousa polo seu nome e interesábanse pola nosa vila. Os de agora forman parte doutro mundo; non se pode falar con eles. O alcalde e as autoridades sanitarias (médicos e veterinarios de hoxe) son do exterior, son o "outro" que é rexeitado. O alcalde vén soamente para dar ordes e para pedir cartos. O médico vén visitar ó enfermo, pero non veñen ver ó home que está enfermo.*

9736 **albéitar** *s.m.* Profesional sen titulación académica experto en enfermidades dos animais. É evidente que na antigüidade, a palabra *albéitar* identificaba a persoa experta que curaba as doenzas do gando. Coa aparición das universidades e as titulacións académicas, en castelán, xorden os mesmos profesionais pero agora co título de *veterinario* e isto trae como consecuencia a degradación da palabra (feito parello da degradación das *billas* polos *grifos*, das *tixolas* polas *sarténs* ou das *vasoiras* polas *escobas*). É dicir, que o profesional titulado tomou o nome de *veterinario* mentres que o práctico, ás veces tamén ferrador ou curandeiro, mantiña a vella denominación de *albéitar*. De aí, quizais, o matiz despectivo que chegou a ter. Por extensión, tamén se lle chama *albéitar* ó mal médico, que fai mal as curas. Con todo, a palabra está renacendo e na Rede con este nome figuran hoxe, como mínimo, un laboratorio veterinario de Zaragoza, un buscador da Facultade de Veterinaria de Córdoba, unha revista profesional de Zaragoza e un hospital veterinario de Logroño. (Común).

9737 **albéitare** *s.m.* Ver ALBÉITAR /9736. (ERG, Mel2).

9738 **albeitareo** *s.m.* Ver ALBÉITAR /9736. (Bar-Co).

9739 **albeitaría** *s.f.* Veterinaria, ciencia que estuda as doenzas dos animais. (ERG).

9740 **albeitario** *s.m.* Ver ALBÉITAR /9736. Prado *Lameiro* escribe *albeitário*: *Que veñan a rexistrala/ os millores albeitários/ do mundo, e si tuber chata/ que me corten o pescozo* (PL1:3). (ERG, PL1).

9741 **albeite** *s.m.* Ver ALBÉITAR /9736. *O tío Baraxas era quen facía de albeite no lugar e aínda fóra dil* (GB2:181). *Cúlpome da costume de preguntar: '¿a vostede que lle pasa?'. 'Para eso veño a que vostede mo diga'. A eso ocúrreseme dicirlle: 'Pois vostede enganouse: debe ir ó albeite que é o que sabe consultar*

[361] Loures.:136-137.

[362] *O Portugal* e don Ramiro eran os médicos que tiñan antes en Loureses.

sen preguntar nada ós enfermos' (MRP:44). Antas4 especifica a especialidade do albeite: "Curandeiro das vacas, que sabe remedios casandeiros, pero non ten título coma un veterinario". Tamén Nove.: "Curandeiro dos animais". Chan. escribe *albéite*. (Antas4, Ced., Chan., Com1, CP, Dum., ERG, GB2, Nove., Razo, Sob., Suarna, Toba, MRP. ILG:67 (C:42, LU:5, OU:2, PO:17, GExt.:1)).

9742 **albeiter** *s.m.* Ver ALBÉITAR /9736. (CP).

9743 **albeitería** *s.f.* Ver ALBEITARÍA /9739. (ERG).

9744 **albeites** *s.m.* Ver ALBÉITAR /9736. (Grixó, Ribe2).

9745 **albeitre** *s.m.* Ver ALBÉITAR /9736. (Antas4, Ced., Crendes, Leir-A, Vilar).

9746 **calzas** *s.m.* Veterinario. No verbo daordes. (XCC).

9747 **veterinaria** *s.f.* Ciencia de cura-las enfermidades dos animais. Hai xa moitos anos que a función do veterinario e da ciencia veterinaria superou o campo das enfermidades dos animais, aínda que, por suposto, sen abandonalo. Outros dous campos, tanto ou máis importantes ca este, son as producións animais ou *zootecnia* (que con aquel constitúen o que hoxe se entende por Sanidade Animal) e a produción de alimentos de orixe animal ou *bromatoloxía*, xunto coa inspección dos alimentos, establecementos e industrias de alimentación (hoxe englobado baixo o concepto de Saúde Pública). (ERG).

9748 **veterinario** *s.m.* Profesional especialista en enfermidades animais, producións e responsable da inspección de alimentos. (Común).

9749 **vetirinario** *s.m.* Ver VETERINARIO /9748. (Ram.).

9750 **vetrinario** *s.m.* Ver VETERINARIO /9748. (Cod., Com1, Lucí, Medín, Peroxa, Sob., Tabor).

9751 **vitirinario** *s.m.* Ver VETERINARIO /9748. Pouco valora ó *vitirinario* o noso informante en Rama. cando engade que "o ferrador sabe tamén". (Arc4, Gro5, Rama.).

9752 **vitrinario** *s.m.* Ver VETERINARIO /9748. (Gro5,Marín, Viso2).

9753 **ciruxano das bestas** *s.comp.m.* Ver ALBÉITAR /9736. *O médico don Cándido mercara un porco na feira do primeiro de Betanzos. Aos poucos días enfermóuselle o animaliño, e veuse na necesidá de chamar á un albéitar, ou 'ciruxano das bestas', como din os viciños de Miodelo*. (ASl2:6).

9754 **zuruxao das bestas** *s.comp.m.* Ver CIRUXANO DAS BESTAS /9753. (VLLM).

Nin meu pai nin meu abó foron veterinarios i eu metinme ferrador. (XMSH:111) [363]

8.9.1.1. Accións do veterinario

8.9.1.2. No matadoiro e na cortadoría

Como xa vimos no capítulo 6. *Cortadoría,* ó falarmos da inspección veteriaria da carne, tardouse ata 1840 para decidir que o control sanitario dos matadoiros e cortadorías quedase encomentado a profesionais veterinarios e deixase de ser realizado polos *veedores* ou *vedores*. O 24 de febreiro de 1859 apróbase o *Reglamento de Inspectores de Carnes*, base do futuro Regulamento de Matadoiros de 1918, hoxe derrogado. A normativa legal vixente é un Regulamento europeo de 2004 que establece, primeiro, os pasos a realizar durante a inspección veterinaria no matadoiro, ante e post mortem; segundo, o ditame segundo os resultados desta inspección; e outras moitas cousas.

Pero a actuación do veterinario no matadoiro e nas cortadorías só se visualiza no cuño que pon ás carnes declaradas aptas: o consumidor medio só repara nese sinal e ignora o labor de comiso doutras carnes ou o desvío a usos non alimentarios.

9755 **cruñar** *v.* Marca-la canal despois da inspección veterinaria para que se poida vender. (Común).

9756 **poñe-lo cruño** *loc. v.* Ver CRUÑAR /9755. (Común).

8.9.1.3. Accións relacionadas coas enfermidades

Posiblemente, as actuacións que máis coñece o gandeiro sobre a función do veterinario son as relacionadas co diagnóstico e tratamento das enfermidades do gando, así como a aplicación de distintas vacinas. Os informantes recollen para designar estas actuacións diferentes conceptos que agrupamos nesta epígrafe xenérica. Actuacións máis específicas levadas a cabo sobre enfermidades concretas xa foron citadas nas epígrafes anteriores.

[363] No texto: *metínme*.

9757 **caltridura** *s.f.* Cauterización. (Piquín).

9758 **diagnose** *s.f.* Proceso de identificación dunha enfermidade mediante a observación dos seus síntomas ou lesións. (ERG).

9759 **diagnóstico** *s.m.* Identificación dunha enfermidade polos síntomas do enfermo. (ERG).

9760 **dianosto** *s.m.* Ver DIAGNÓSTICO /9759. (San.).

9761 **saneamento** *s.m.* Programa de diagnóstico precoz das enfermidades máis comúns co fin de garanti-la súa erradicación no gando. Actualmente, as campañas de saneamento gandeiro baséanse na diagnose de toda a cabaña mediante métodos inmunolóxicos e o sacrificio de tódolos casos positivos, evitándose as vacinacións preventivas que impedían un diagnóstico diferencial entre os positivos por ser portadores do xerme infeccioso (por haber sufrido a enfermidade ou estar no período de incubación) dos positivos por posuír anticorpos procedentes da vacina. (CAGM).

9762 **albeitar** *v.* Realizar unha operación [un albéitar]. (ERG).

9763 **bracear 1** *v.* Realizar unha exploración rectal da vaca introducíndolle o brazo no recto. ERG di que se fai para "desocuparles el intestino". Realmente isto non é máis que unha acción previa á verdadeira exploración, coa que se pretende facer un diagnóstico de xestación, un exame da topoloxía das vísceras abdominais, a extirpación dun corpo lúteo no ovario, colocar adecuadamente o colo do útero para facer unha inseminación ou un lavado uterino etc. Pintos defíneo como "meter el brazo por el orificio de los bueyes para curarles cierta enfermedad". O certo é que, no caso do vacún, a exploración rectal utilízase case exclusivamente nas femias e o obxectivo, na inmensa maioría dos casos, é diagnóstico máis que terapéutico. (Dozón, ERG, Gond., JMP).

9764 **bracexar** *v.* Ver BRACEAR 1 /9763. (ERG).

9765 **caltrir** *v.* Cauterizar unha ferida. (Piquín).

9766 **diagnosticar** *v.* Emiti-lo diagnóstico dunha enfermidade. (ERG).

9767 **enferrar** *v.* Cauterizarlle [unha parte calquera do corpo a un animal] para curarlla. (Nove).

9768 **lancetar** *v.* Abrir [unha ferida] para que deite o brume. (PAre1).

9769 **vacinar** *v.* Aplicar unha vacina [a unha persoa ou animal] para inmunizalo contra algunha enfermidade. (DRAG2).

9770 ***vacunar** *v.* Ver VACINAR /9769. ERG defíneo como "aplicar el virus vacuno a una persona para preservarla de las viruelas". (ERG).

9771 **dar un lavado** *loc. v.* Facerlle [á vaca] un legrado químico uterino como tratamento da metrite. (Gond).

9772 **tapa-la ferida** *loc. v.* Facerlle a cura [a unha ferida]. (Cur.).

Vai ó medio [364]

Outra vez eran unhas monxas e púxoselles unha vaca de parto e non daba parido; púxose tan maliña a vaca que houbo que chamar o veterinario. Entón o veterinario examinou a vaca e díxolles:

- *¡A vaca morre, está moi mal!*

As monxas estaban todas rezando oracións para que non morrese, e o veterinario pensouno un pouco mellor e díxolles:

- *A vaca morre, a non ser que eu faga unha rogativa, que é a única cousa que pode salvala. E aínda non é moi seguro.*

- *Vostede dirá* –díxolle a superiora.

- *Pois mire, eu teño que deitarme con esa monxiña* –e sinalou unha que era das máis guapas e das máis novas-. *Eu nada lle vou facer, só temos que dicir unhas oracións e...*

E dinlle as monxas:

- *¿E que oracións son esas?*

- *Eu teño que ir rezando e, a un tempo, teño que andarlle a esa monxiña co meu pizarriño todo ó redor e xa lles direi cando remate.*

---

[364] XCARXM2:210-211. O colector recolleu tres versións diferentes en Vilaboa, Conforto e Bogo, tres parroquias da Pontenova, Lugo, e engade en nota a rodapé: *Sobre as virtudes do medio en materia erótica* (in medio stat virtus*) traemos a conto unha oitava da obra anónima española do século XVI* Jardín de Venus *ou* Jardín de Flores*, publicada por Alzieu, Jammes e Lissorgues en* Poesía erótica del Siglo de Oro*: "Entre delgada y gruesa es la figura/ que ha de tener la dama si es hermosa/ y el medio de negrura y de blancura/ es la color de todas más graciosa;/ en medio de dureza y de blandura/ la carne de la hembra es más sabrosa./ En fin ha de tener en todo el medio/ pues lo mejor de todo es lo de en medio*". *Os editores de* Poesía erótica del Siglo de Oro *ven neste poema a interpretación dun coñecido tópico da sabedoría popular e achegan nas notas ó mesmo unha anécdota que relata Pierre de Bourdeilles, señor de Brantôme, na súa obra* Des dames galantes*, que, ó noso entender, aínda ten ben relación co noso conto: "ainsi que dit une dame espagnole à son serviteur, qui, la saluant un jour, luy dit: 'Bezo las manos y los pies, Senora'; elle luy dit: 'Senor, en el medio está la mejor station', comme voulant dire qu'il pouvait baiser le mitan aussi bien que les pieds et mains".*

As monxas non aceptaban de moi boa gana pero, antes de que morrese a vaca, acordaron que o veterinario se deitase coa monxa.

E foron os dous para a cama e o veterinario andaba co seu pizarriño ó redor da monxa e ía dicindo:

- Ó redor, ó redor,
pra que a vaca se poña mellor,
ó redor, ó redor,
pra que a vaca se poña mellor.

E o veterinario levaba xa moito tempo co seu pizarriño dando voltas ó redor e repetindo aquela ladaíña:

- Ó redor, ó redor,
pra que a vaca se poña mellor,
ó redor, ó redor,
pra que a vaca se poña mellor.

E a monxa, que xa estaba impaciente, díxolle:

- ¡Non, home, non, vai ó medio,
anque a vaca non teña remedio!

8.9.1.3.1. Medicar

9773 **inxectar 1** *v.* Introducir no corpo a través da pel un líquido, normalmente un medicamento, mediante unha xiringa. (ERG).

9774 **mediciñar** *v.* Administra-las mediciñas [a un animal enfermo]. (ERG).

8.9.1.3.2. Menciñas

A primeira vacinación practicouna o médico británico Edward Jenner o 14 de maio de 1796 contra as vexigas (varíola), inoculándolle a un rapaz de 8 anos, James Phipps, o exudado procedente de lesións humanas, das pústulas das mans dunha leiteira infectada de varíola bovina (*cow-pox*).

Esta varíola bovina provocaba nas vacas unhas bochas nos tetos e Jenner tiña comprobado que a xente que contraía a enfermidade ó muxir unha vaca enferma de varíola só sufría esa forma benigna nas mans pero non enfermaba posteriormente da varíola humana (vexigas) que daquela era mortal.

Efectivamente, seis semanas despois inoculou ó pequeno a enfermidade humana sen que este caera enfermo. Nacía así a era da inmunoloxía: inoculando unha enfermidade (neste caso a *vacina*, enfermidade bovina), inmunizábase contra a outra (as vexigas). Mesmo daba nome á técnica de prevención así descuberta: vacinación.

Isto prodúcese porque as dúas doenzas están causadas polo mesmo tipo de virus (*Poxvirus*) e un virus inmuniza fronte ó outro (inmunidade cruzada). Pero o número de enfermidades que permiten esta inmunización directa é moi reducido. Por iso é importante o labor de Pasteur que, no século XIX, inactivou ou atenuou xermes patóxenos, feito que abriu a posibilidade de crear vacinas contra case tódalas enfermidades infecciosas, empezando el pola vacina da rabia.

9775 **endeción** *s.f.* Inxección. (Cur.).

9776 **espelaparias** *s.f.pl.* Medicina de laboratorio que lles dan ás vacas que quedan picadas do touro ou que se abortan. O informante porfía en que *Espulsaparias* e *Espelaparias* son medicamentos distintos, se ben nós non coñecemos máis que o produto denominado *Expeleparia*. (Ctel1).

9777 **espíritu** *s.m.* Remedio para cura-lo mal do *gabarro* nas vacas. Ver GABARRO /8482 no apartado 8.6.2.2.*Patoloxía: feridas no pezuño*. (Pentes1).

9778 **espulsaparias** *s.f.pl.* Medicamento de laboratorio que lles dan ás vacas despois dunha paridura normal. (Ctel1).

9779 **indición** *s.f.* Inxección. (Com1, CP, Grixó, Gro1, Mon., Pantón, Ram., San.).

9780 **madacina** *s.f.* Ver MENCIÑA /9788. (Cur.).

9781 **madecina** *s.f.* Ver MENCIÑA /9788. (Cur., Sob).

9782 **meciña** *s.f.* Ver MENCIÑA /9788. (Gud.).

9783 **medacina** *s.f.* Ver MENCIÑA /9788. (Cur.).

9784 **medecina** *s.f.* Ver MENCIÑA /9788. (Cod., Cur., Gro1).

9785 **mediciña** *s.f.* Ver MENCIÑA /9788. (Com1, ERG, Gro1, Pantón).

9786 **meiciña** *s.f.* Ver MENCIÑA /9788. (Com1, ERG).

9787 **melecina** *s.f.* Ver MENCIÑA /9788. VGR engade que se usa entre a xente da montaña. (VGR).

9788 **menciña** *s.f.* Produto farmacéutico utilizado para a curación das enfermidades ou calquera outro obxectivo terapéutico. (Burón, Cab., Ced).

9789 **penecelina** *s.f.* Ver PENICILINA /9790. (Cur.).

9790 **penicilina** *s.f.* Antibiótico de uso antes moi frecuente. (Común).

9791 **vacina** *s.f.* Substancia que, introducida no organismo, provoca a creación de anticorpos contra certas enfermidades causadas por virus ou bacterias e a consecuente inmunidade do organismo. (DRAG2).

9792 ***vacuna** *s.f.* Ver VACINA /9791. ERG definíao aproximadamente como varíola que se manifestaba nas vacas no ubre e que se utilizou para inmuniza-lo home contra as vexigas. (ERG).

8.9.1.4. Accións relacionadas coa reprodución

8.9.1.4.1. Inseminar

A inseminación artificial representa un dos maiores avances na explotación industrial do gando e aplícase xa en tódalas especies, incluídas as non domésticas. Consiste na recollida do seme mediante unha vaxina artificial e a introdución posterior no útero dunha femia mediante unha pipeta. Naturalmente, o verdadeiro interese deste sistema de reprodución consiste en aproveitar esa extracción do esperma para diluílo en medios apropiados e conseguir así un maior número de doses –e de posibles fecundacións- a partir dunha única exaculación. Estes líquidos diluíntes permiten ademais favorece-la conservación e permiti-la conxelación do seme, o que aumenta considerablemente a súa posibilidade de utilización no tempo.

A extensión desta técnica no gando vacún é xa tan ampla que case podemos considera-la monta natural como unha reliquia do pasado. Permite fecunda-las vacas con seme de contados e seleccionados proxenitores, de características hereditarias notables e probadas, dun xeito económico e asequible a tódolos gandeiros, e constitúe un importante método de loita e control contra as infeccións das vías xenitais, frecuentes trala monta natural.

9793 **inzo 2** *s.m.* Seme que se lle pon á femia na inseminación artificial. *Leva a vaca para pórlle o inzo*. Friei. explica que para cubri-las vacas había, antes, *voi do concello*, pero *hoxe faise máis por inzo* (Friei.:199). Orixinalmente, *inzo* significa semente; e *inzar*, reproducir, multiplicarse, cundir. Tamén temos *boi do inso* para designa-lo boi semental (Cang3). (Friei., Xun2).

9794 **semente** *s.f.* Seme empregado na inseminación artificial. *Compre ir coa vaca pra porlle a semente*. (Xun2).

9795 ***semilla** *s.f.* Seme empregado na inseminación artificial. (Común).

9796 **enseminar** *v.* Inseminar artificialmente [unha vaca]. (Gond., Zolle).

9797 **inxectar 2** *v.* Inseminar artificialmente [unha vaca]. (Gond).

9798 ***ensemillar** *v.* Ver ENSEMINAR /9796. (Gond., Vilaf).

9799 **bota-las *semillas** *loc. v.* Inseminar artificialmente [unha vaca]. (SComba).

9800 **pó-la *semilla** *loc. v.* Inseminar artificialmente [unha vaca]. (Gond).

9801 **poñe-la inxección** *loc. v.* Inseminar artificialmente [unha vaca]. (Gond).

Se insemina en crecente, é diferente. Se insemina en mingoante, é semellante. (Gro5) [365]

8.9.1.4.2. Diagnóstico de xestación

Lémbrese o que dixemos en 7.4.3. sobre as probas ás que recorre o gandeiro para establecer un diagnóstico de xestación. Alí poderase comprobar que esas prácticas só permiten comproba-la xestación en estados avanzados, polos movementos do feto ou a presenza da *cera* nos tetos. O veterinario –e o gandeiro actual, xa tecnificado- recorre a métodos máis precisos que permiten confirma-lo diagóstico xa nos primeiros 30-45 días da xestación, por palpación do corpo lúteo no ovario, dos cambios producidos no útero xestante (como tal, a asimetría dos cornos uterinos) ou do latexo da arteria uterina. Actualmente recórrese a técnicas de ecografía por ultrasonidos que permiten confirmacións seguras ós 17 días de xestación.


9802 **apalpamento rectal** *s.comp.m.* Método de diagnóstico de xestación que consiste en comproba-la persistencia do corpo lúteo mediante exploración rectal. (CAGM).

[365] Este refrán, oído pola radio a José L. Lorenzo, alcalde de Tomiño, o 16.06.1988, alude ó sexo das crías que nacen por inseminación e parece indicar que, se se insemina en minguante, saen de sexo semellante. Non queda claro se é semellante ó da nai ou ó da cría anterior; pero, referido ós nenos, Antón Fraguas dá un refrán paralelo, que explicita que a semellanza e a diferenza refírense ó irmán anterior: *Si nace no menguante, o outro que veña sale igualante; si nace no creciente, sale diferente* (AFF1:23). Recollemos, finalmente, outra crenza tan estendida e tan falsa coma as anteriores, segundo a cal, se nun parto nace un macho, no seguinte será unha femia, e viceversa.



Diagnóstico de xestación.

8.9.1.4.3. Accións no parto e puerperio



Parto asistido. (Unidade de Reprodución e Obstetricia. Facultade de Veterinaria de Lugo).

9803 **cesárea** *s.f.* Operación cirúrxica para extrae-lo becerro do ventre da vaca cando o parto normal non se produce. (Común).

9804 **bracear 2** *v.* Introduci-lo brazo na vaxina da vaca para extrae-lo feto no caso dun parto distócico. "Los partos distócicos comienzan a ser encomendados al veterinario. Hasta ahora pocas veces se le prestaba un auxilio que resultase eficaz. En algún caso la ha *braceado* cualquier hombre que lo haya aprendido de sus antepasados por habérselo visto hacer. El que va a *bracear* refuce la camisa hasta los hombros, lava los brazos, los unta con aceite y los introduce en la vagina del animal asiendo el feto, por donde buenamente pueda y derrizando hacia fuera". (Gud7:52). Nótese que *derrizar* non existe en castelán e, en cambio, é palabra galega que designa "desenvolver", "tirar de algunha cousa pregable, saca-la herba da palleira arrincándoa ou repenándoa coas mans". (Gud7).

9805 **librar 3** *v.* Axudar [a unha vaca] a parir cando presenta un parto distócico. (Gond).

9806 **tirar** *v.* Ver LIBRAR 3 /9805. (Gond).

9807 **vaciar** *v.* Axudar [a unha vaca] a parir. (Gond).

8.9.1.4.4. Extrae-las secundinas

9808 **despariar** *v.* Ver DESQUITAR 2 /9809. (Gond).

9809 **desquitar 2** *v.* Extraerlle as secundinas [a unha vaca]. (Gond).

9810 **librar 4** *v.* Extraerlle as secundinas [a unha vaca]. (Gond).

9811 **limpar 2** *v.* Ver LIBRAR 4 /9810. (Gond).

8.9.1.4.5. Capar

9812 **gallistro** *s.m.* Animal capado que aínda segue montando as femias. (LP).

9813 **operación** *s.f. euf.* Castración de animais. (ERG).

9814 **colloeiro** *adx.* [Boi] capado. Aos bois humoristicamente tamén se lles chama *colloeiros*: *Xa non tes bois colloeiros*. (Parade.).

9815 **capar** *v.* Extirparlle os testículos [ó boi] ou provoca-la súa atrofia mediante compresión dos vasos sanguíneos e condutos seminais. (Común).

9816 **coar** *v.* Capar [os machos] sen extraerlle os testículos, senón atándollos contra o abdome para provoca-la súa atrofia. O noso informante no Grove sinala que se emprega *coar* para refirirse a cabalos ou bois, e *capar* para os porcos. (ERG, Gro4).

De antre o touro e o boi, navalla de capador/ coitelo de castrador. (VLLM:1,142) [366]
Do toro ó boi, a navalla do castrador/capador. (VLLM:1,140) [367]
Do toro ó boi sólo vai un castrador. (VLLM:1,140)
Entre o touro e o boi, o coitelo capador. (VLLM:1,142) [368]

8.9.1.4.6. Outras accións

9817 **dentar** *v.* Mirarlle os dentes [a unha res] para saberlle os anos. (Piquín).

8.9.1.5. Avinzarse

9818 **avenza** *s.f.* Ver AVINZA 1 /9822. Ver tamén comentario a HABENZA /9921. (ERG).

9819 **avincia** *s.f.* Ver AVINZA 1 /9822. (Vide).

9820 **avincio** *s.m.* Ver AVINZA 1 /9822. (Vide).

9821 **avinte** *s.m.* Ver AVINZA 2 /9824. *Veño pagar o avinte*. (Salg).

9822 **avinza 1** *s.f.* Convenio ou contrato cun veterinario ou médico. ERG só menciona o médico ou o farmacéutico como suxeitos desta fórmula de prestación de servizos. (ERG, Ram., Ver1, Xun1).

9823 **avinzamento** *s.m.* Acción e efecto de facer unha avinza co veterinario, médico etc. (Salg).

---

[366] Llópiz: *D'antre*; recólleo de J. F. Losada, profesor veterinario. Estes refráns que marcan a diferenza entre *touro* e *boi* teñen tódalas trazas de seren adaptados do castelán, onde *toro* é sempre o macho enteiro, e *buey* é cando está capado, diferenza que en galego non se adoita facer e case sempre se emprega a forma *boi* para as dúas situacións.

[367] Llópiz: *toro* (sic); recólleo de M. Castro en Sarria.

[368] Recólleo de B. Andrade, profesor veterinario.

9824 **avinza 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Cantidade que por convenio se paga mensualmente ó veterinario ou ó médico para asegura-la súa atención. Noutrora, as *avinzas* pagábanse sempre en especie (viño, trigo, millo, patacas etc.), pero agora faise sempre en metálico. Neste caso ERG cita, ademais do médico e do boticario, ós abades dunha parroquia. (ERG, Xun1).

9825 **aviñanza** *s.f.* Avinza (en especie ou diñeiro) co médico, veterinario etc. (Lubián).

9826 **avinzado** *adx.* [Persoa ou familia] que paga avinzas. (ERG, Punxín).

9827 **avinzar** *v. Ú. t. c. prnl.* Concertar certos servizos facultativos a cambio dunha retribución periódica en especie ou en metálico. O noso informante en Punxín recolle a forma *estar avinzado*. (ERG, Punxín, Xun1).

9828 **aviñanzar** *v.* Ver AVINZAR /9827. (Lubián).

8.9.1.6. Trebellos do veterinario

9829 **cichote** *s.m.* Cánula ou tubo dunha xeringa. (ERG).

9830 **cruño** *s.m.* Selo que utiliza o veterinario para marca-la carne no matadoiro como apta para o consumo. (Común).

9831 **gomas** *s.f.pl. pop.* Fonendoscopio. (Común).

9832 **xeringa** *s.f.* Ver XIRINGA /9833. (Gro1, Mon).

9833 **xiringa** *s.f.* Instrumento para inxectar medicamentos. (Com1, Ram.).

8.9.2. O menciñeiro

O *menciñeiro* (denominación localizada en Ben., Burela1, Burón, Car2, Ced., Ced., Negra., Oirán, Piquín, Ram., Rib-S, Vala., Vi-Val) é un importante personaxe da gandería tradicional galega. O seu nome deriva de *menciña*, forma popular de *medicina.*

Outras variantes son *mediciñeiro* (palabra viva en Antas3, Chan. e Mon), *meiciñeiro* (viva en Carbal., Piñor, Suarna); pero a máis común é *manciñeiro*, probablemente porque mentalmente se relaciona con (*ter boa*) *man* e con *maña*, conceptos presentes noutros nomes como *mañoso, amañoso* e *compoñedor,* que parecen describir coñecementos terapéuticos prácticos dos que carecían a maior parte dos donos dos animais; estes nomes falan de habilidades adquiridas na experiencia, aínda que sexa unha experiencia irregular e sen pleno coñecemento da relación causa-efecto.

O nome de *menciñeiro* xa indica que el é o que ofrece coidados médicos ós animais, o médico dos animais, concepto que tamén expresan *curandeiro* e *zuruxao das bestas.*

O nome de *ollador* revela a admiración que produce a súa excepcional capacidade de observación dun animal para establecer antes e mellor ca ninguén un diagnóstico certeiro e iniciar unha terapia. O nome de *meigo* acáelle porque, facendo cousas aparentemente simples, consegue efectos positivos sorprendentes; pero tamén chama a atención que a denominación de *meigo* para estes curadores sen carné só se rexistre en Compostela, a única localidade galega que ten universidade dende hai centos de anos e, consecuentemente, neste lugar a palabra *meigo* contén connotacións despectivas.

Tódalas ciencias avanzan dando pasos erróneos que posteriormente se rectifican e nos milenios de existencia da gandería galega non se podía esperar a dispoñer dun corpo de veterinarios titulados. Os menciñeiros cubriron o mellor que souberon esa necesidade. A persistencia deste tipo de actividade hoxe en día, cando xa dispoñemos dunha veterinaria científica, é o único que presenta un conflito.

O tránsito dunha á outra foise facendo no século XX dunha maneira lenta e, se a rivalidade entre os dous gremios foi máis ou menos visible, o gandeiro non chegou a percibir tanta diferenza, como demostra o feito de que conservase dun para outro a denominación de *albeite,* que, sendo común ós dous gremios, xa a vimos na epígrafe 8.9.1.

¿Cales son as diferenzas entre o menciñeiro e o veterinario?

Como xa levamos visto e aínda imos ver, unha parte importante desta veterinaria sen carné está baseada na crenza de que só forzas misteriosas (que os menciñeiros sempre chaman Deus e os santos) son as que desencadean o proceso curativo. E por iso en moitos casos, a actividade dos menciñeiros vai acompañada de oracións que eles e os donos do animal rezan con toda devoción. Posiblemente este carácter transcendental (ou, se se quere, confesional) do curador dos animais é a primeira diferenza coa veterinaria actual. O veterinario actual cura ou non cura pero ningún tratado de veterinaria prescribe a oración como elemento sanador.

A gandería galega vén da noite dos tempos, de épocas nas que os nosos máis antigos devanceiros tiñan que afronta-las dores dos seus animais domésticos sen o actual apoio dos coñecementos veterinarios

adquiridos nunha universidade con métodos científicos e con avances técnicos coma as ecografías ou as resonancias magnéticas. Esta é a segunda e importante diferenza: a experimentación como único factor de coñecemento da veterinaria científica. O menciñeiro herda un magma de saberes dos que uns certamente proceden da análise dos animais mortos ou sacrificados pero outros proceden de crenzas e supersticións que nada teñen que ver coa experimentación científica. E esta mestura de elementos científicos con elementos supersticiosos vicia o seu proceso, aínda que haxa nel elementos admirables coma o dun menciñeiro cego en Caritel que sempre empezaba por apalpa-los cornos (para sabe-la idade do animal) e continuaba con outras probas ata que tiña un coñecemento superior ó común dun animal que só escoitaba e apalpaba. Pola contra, o veterinario actual dispón dunha información anatómica e fisiolóxica completa dos animais domésticos; coñece de maneira científica a etioloxía, patoloxía e terapéutica das enfermidades; dispón dun instrumental que lle facilita unha información antes impensable; e dispón dun historial do animal que se inicia na concepción e que seguirá aberto ata despois da súa morte.

A pesar de todo o dito, ata a fin do século XX, o gandeiro de poucas vacas mantiña unha confianza ilimitada na capacidade terapéutica do menciñeiro: *Un rapaz de Maceda asegurábanos que cand'actuaban os curandeiros, o gando qu'enfermaba, curaba sempre; mais que dende que hai un albéitare titulado, as bestas qu'enferman, morren* (Mel2:455). *En xeral, os ferradores fan tamén algunha curas ó gado cando é preciso, coma sangrías e outras, mais isto é máis propio dos menciñeiros, ós que o campesiño acode con máis fé que ós veterinarios* (XLF:544). E con frecuencia a primeira intervención era sempre a do menciñeiro e só despois desta, e por cautela, chamaban tamén polo veterinario.

Imos reproducir agora unha viva descrición que Lence Santar (Mondo4:68-71) fixo dos menciñeiros do seu tempo e das terras de Mondoñedo.

> Díxome un día o Galaneiro, de Cezuras:
>
> *-Ós* [369] *médecos non lles teñen boa fé*.
>
> *-¿E por que di* [370] *eso?*
>
> *-Pois verá: Si se fina un enfermo qu'estivese coidado polo* [371] *médeco, a xente di* [372]*: '¡Matouno* [373] *o médico!' E si o enfermo sana, entón di: '¡N-o sanou* [374] *o médeco, senón os santos!'. Vale máis sere manciñeiro, que diles* [375] *todo dios fala ben.*
>
> *-Pro os manciñeiros son unhos bestas*.
>
> *-Non diga eso, ay Don Duardo, que haber, haillos ¡que moito lle saben!*
>
> *-Celeirote, ¿será un diles?*
>
> *-Celeirote pasa de dous anos que se finou. E mais verdá seña dita, coma il non quedaron catro na* [376] *Galicea. Pro sonlle tamén bos manciñeiros, Teixidal, de Trabada; Rafayel, de San Pedro de Bazar; Basanta, de Villaronte; Farruco das Lamas, do* [377] *Coto; Ramon do Seixo, de Masma; Teixeiro, de Curros; e Zacarías, de Romariz.*
>
> Celeirote era manciñeiro do gado e da xente; tiña sona en moitas légoas ó [378] redor e gustáballe máis traballar co-a xente; Teixidal é manciñeiro do gado e, si se pón, da xente tamén; Rafayel é manciñeiro da xente e do gado, y outros son manciñeiros do gado, aga-lo [379] Teixeiro – que o é da xente e do gado e para curar pernas e brazos rotos ou esnogados e toda cras de hosos, non s'atopa outro coma il – y-o Zacarías, que cur'ó gado e tamén a moita xente.
>
> Tod'a cencia do Celeirote adeprendeuna iste nun [380] libro do sigro XVII, que foi do Mosteiro de Meira e que o Celeirote amosab'algús amigos, ós cales, y-a demáis xente, decía que no-o daba por tres mil reás; Teixidal, pra curar bestas e vacas, é cousa acabada. Hastr'o

[369] No texto: *Ôs.*
[370] No texto: *por qué dí.*
[371] No texto: *pol-o.* Tamén no resto do texto: *pol-a festa, pol-o poder*.
[372] No texto: *dí.* Tamén no resto do texto usa esta grafía.
[373] No texto: *Matóuno.*
[374] No texto: *sanóu.*
[375] No texto: *d'iles.* Tamén no resto do texto usa esta grafía.
[376] No texto: *n-a.* Tamén no resto do texto: *n-a gorxa*.
[377] No texto: *d'o.* Tamén no resto do texto: *d'o, d'a, d'os, d'as*.
[378] No texto: *ô.* Tamén no resto do texto: *cur'ô gado, ôs cales, ô Teixeiro*.
[379] No texto: *agal-o.*
[380] No texto: *n-un.*

chaman de dez e de doce légoas de camiño. Fai dous anos prás [381] San Lucas, por sacarll'a cría morta ônha vaca de Lanzós, preto de Villalba, levou catorce pesos [382].

Rafayel è tamén un capador de gran sona. Moito é o que sabe y-o qu'estudia nos [383] moitos libros que tén. Traballa nos concellos de Castro de Rey, Meira, Pastoriza, Abadín e Cospeito, máis do que pode. É un batán. Por menciñar á [384] xente y-ó [385] gado e por capar, leva cada ano, de cada casa, un ferrado de forraxe (trigo y centeno), e de todas élas axunta satenta e cinco fanegas. De modo e de maneira que traballa en trescentas casas. Pro ademais [386] da xente que non tén axustada y-o chama ou se consulta cuíl [387], recibe de cote cartos y-énchelle a casa de hovos, manteiga e chiculate do bon. Diste [388], ás veces, tén máis de doce arrobas e vanllo mercar os que o percisan. Pola festa do San Pedro lévanlle mél, manteiga crua e carneiros.

Basanta e Farruco das Lamas teñen gran sona para curar cochos; com'o Seixo, naida d'iste mundo cur'as olivas [389] das bestas; ó Teixeira quedáronlle os libros de seu pai e de seu abó, que tamén foron manciñeiros sonados, y o Zacarías cura con meiciñas qu'il fai e con palabras.

Vexamos como o Zacarías fai algunhas curas con palabras.

Para cura-las [390] vacas, bois y-outros animales que teñen unha pataca ou unha cachola de nabo na gorxa, di; si é vaca *'A vaca Marela* (si se chama d'esta maneira) *tén unha pataca* (si é pataca) *na gorxa. A pataca se volva y-auga e de y-auga, baba [391], polo poder que Dios tén y-a Virxe María. Amén'*.

Logo reza once Avemarías, dempois de prosinarse e descuberto.

As rosas da xente e do gado [392], cúraas decindo:

'Rosa cabalare, ¿qué vés aquí buscare?
¿Cinza ou carbón de tras do lare?
Vaite aló ás ondas do mare,
Onde non oyas galo cantare,
Nin galiña cacarexare,
Non caves [393] nin labres
Nin rebardebes
Nin probalezas nin roezas
Nin fagas mal onde mal parezas,
Polo poder que Dios ten
Y-a Virxen María. Amén.

Dempois reza dez Avemarías.

9834 **amañoso** *s.m.* Curandeiro de animais. (Marín).
9835 **compoñedor** *s.m.* Curandeiro. (Codeso., Figue1).
9836 **curandeiro** *s.m.* Menciñeiro, persoa que practica tratamentos curativos empíricos e supersticiosos. *Na maioría das aldeas recorren con máis frecuencia ós curandeiros, que, como os das persoas, utilizan dous sistemas curativos: o natural -con plantas, etc.- e o sobrenatural -con esconxuros-* (XRMF4:92). (Arroxo, Ben., Cod., Com1, Culle., ERG, Gro1, Lamas, Macei., Noalla, Oroso2, Ped1, Somo1, TapiaC, Verdu., Vil., Viso2, XRMF4, Xun.).

[381] No texto: *pr'as.*
[382] 14 pesos = 70 pesetas = 0,42 €. O texto sitúase entre 1938 e 1941. Obsérvese que, como diremos en 10.5.3.1., por 52,50 pesetas vende Aruxo unha xovenca en 1928.
[383] No texto: *n-os.* Tamén no resto do texto.
[384] No texto: *â.*
[385] No texto: *y-ô.*
[386] No texto: *ademáis.*
[387] No texto: *cu-íl.*
[388] No texto: *D'iste.*
[389] No texto: *oliras.*
[390] No texto: *cural-as.*
[391] No texto: *beba*.
[392] No texto: *galo.*
[393] No texto: *cabes.*

9837 **ensalmeiro** *s.m.* Persoa que fai crer que cura con ensalmos. (ERG).
9838 **maciñeiro** *s.m.* Ver MANCIÑEIRO /9840. (Alence, Dozón, Gud., Incio, Samos3, Veste).
9839 **maciqueiro** *s.m.* Ver MANCIÑEIRO /9840. (Cal., Mra.).
9840 **manciñeiro** *s.m.* Ver CURANDEIRO /9836. En Zolle explícanos que se dedica a cura-las vacas e outro gando sen ter título oficial ningún. *Celeirote era manciñeiro d'o gado e d'a xente; tiña sona en moitas légoas ô redor, e gustáball'e máis traballar co-a xente; Teixidal é manciñeiro d'o gado e, si se pón, d'a xente tamén* (Mondo4:68). (Común. ILG:68 (C:30, LU:21, OU:9, PO:8)).
9841 **mansiñeiro** *s.m.* Ver MANCIÑEIRO /9840. (Dum., Figue1, JMP, Lucí, SComba, Teo).
9842 **manxurreiro** *s.m.* Menciñeiro, persoa que fai *manxurradas*. (Lan., Lugo1).
9843 **mañoso** *s.m.* Curadeiro de animais. (Com1, CP).
9844 **mecindeiro** *s.m.* Ver MANCIÑEIRO /9840. (Lago).
9845 **meciñeiro** *s.m.* Ver MANCIÑEIRO /9840. (Rib-S).
9846 **mediciñeiro** *s.m.* Ver MANCIÑEIRO /9840. (Antas3, Chan., Mon).
9847 **meiciñeiro** *s.m.* Ver MANCIÑEIRO /9840. (Carbal., Piñor, Suarna).
9848 **meigo** *s.m.* Ver CURANDEIRO /9836. (Com1).
9849 **menciñeiro 1** *s.m.* Ver MANCIÑEIRO /9840. (Ben., Burela1, Burón, Car2, Ced., Ced., CP, Negra., Oirán, Piquín, Ram., Rib-S, Vala., Vi-Val).
9850 **ollador** *s.m.* Menciñeiro de animais. (Ram., XER).
9851 **zuruxao das bestas** *s.comp.m.* Ver MANCIÑEIRO /9840. (VLLM).

Outro [394]

Axudaba a nacer aos vitelos, mesmo coma se herdase [395] os libros do médico Piay, aquel meu parente, boísimo, que puido levar a soeira [396] de "Parteiro Maior de Galicia". Porque o señor Pedro traballaba coma se fose [397] estudiado, e coma se [398] un xuvenco fose un neno, fóra a alma [399]. Non era albeite [400], que era canteiro, pro [401] as súas mans encaroladas de andar coas pedras tiñan moita habelencia para que se non malograse unha cría. E logo, aquela retesía que lle botaba á vaca, no verbo dos arginas [402], como [403] se estivese a guindar unha lousa, tíñaa como adormecida...

Nunca quixo cobrar, nin collía regalos. Cobraba poñéndolle nome aos novelos.

- *Pero, home, se eu quería que se chamase* Teixo*, non ves por que o é.*

- *Pois chámase* Cuxo*, e adiós [404], que para eso o axudei eu a ben nacer.*

Moitas das nombranzas [405] que daba non dicían ren, eran nomes de tenreiros, nada máis. Daquela, os bois ou as vacas quedaban con nome de pequenos pra [406] toda a vida: *Almallo*, *Boiato*, *Camón*, *Puxo*, *Quilo*.

- *Tamén a min chamádesme Pedriño e paso xa dos sesenta.*

O pior [407] non foi a lumbrada dun vitelo, foi cando quixo que un porco levase o nome do señor Alcalde, porque era moi amigo seu.

---

394 XFV3:101-102.
395 Na segunda edición de 1990 Filgueira corrixiu o texto da primeira: *coma si herdara.*
396 No texto: *asoeira.* Cambiámolo porque o propio Filgueira no seu dicionario define a *asoeira* como un tipo de rede. *Soeira*, en cambio, está máis próximo do significado de sona; de feito outros defíneno con "runrún".
397 Na segunda edición: *coma si fora.*
398 Na segunda edición: *e como si.*
399 Na segunda edición: *fora a ialma.*
400 Na segunda edición: *albeitar.*
401 Na segunda edición: *pero.*
402 Na segunda edición: *arxinas.*
403 Na segunda edición: *coma.*
404 Na segunda edición: *adeus.*
405 Na segunda edición: *Moitos dos nomes*.
406 Na segunda edición: *para.*
407 Na segunda edición: *peor.*

8.9.2.1. Menciñar

9852 **amastrugar** *v.* Aplicar un remedio caseiro [a un animal enfermo]. (Dum.).
9853 **macicar** *v.* Aplicar remedios caseiros [a un animal enfermo]. (Mra.).
9854 **maiciñar** *v.* Ver MENCIÑAR /9859. (Arzón, Grixoa).
9855 **manciñar** *v.* Ver MENCIÑAR /9859. (Cab., Cur., Damil, Gui., Laxe, San.).
9856 **mansiñar** *v.* Ver MANCIÑAR /9855. (JMP).
9857 **manxurrar** *v.* Preparar medicamentos caseiros líquidos con mestura de varias cousas. (Lan., Lugo1).
9858 **meciñar** *v.* Ver MENCIÑAR /9859. (Vil.).
9859 **menciñar** *v.* Aplicar un remedio [a un animal enfermo]. (Burón, Ced., Piquín, Suarna).

8.9.2.2. Tratamentos

9860 **abisma** *s.f.* Ver BISMA /9863. ERG localízao en Moraña e outras comarcas galegas, que non especifica. (ERG).
9861 **aferventado** *s.m.* Calquera fervido que se prepara como remedio para os catarros e outras doenzas. (Arcos).
9862 **birma** *s.f.* Ver BISMA /9863. *Esta birma está feita de cera virxe, entrecasca de pau de nogheira, breu e 'alquilón', que son unhas barriñas que se mercan nas boticas e que dan forza ó breu e que impiden que rompa cando seca*. (Ctel1).
9863 **bisma** *s.f.* Emplasto medicinal que se aplica a certas feridas ou traumatismos (do gr. *epithema*, "o que se coloca enriba"). (Com1, Ctel1, Cur., Ram., San.).
9864 **cocemento** *s.m.* Remedio caseiro para curar unha enfermidade. (Ram.).
9865 **encaldada 2** *s.f.* Calquera mestura caldosa que se emprega para menciña-lo gando. (Piquín).
9866 **fumaghe** *s.* Fumazo de brasa de loureiro, bieiteiro, oliveira e allo para cura-las mamites e edemas mamarios. (Tourón).
9867 **fumazo 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Tratamento da mamite a base do fume producido por brasas de loureiro, oliveira, galiñaza e uñas de porco. Supoñemos que Aníbal Otero se estará referindo á mamite cando di que estes *fumazos* se aplican ás "vacas que no se dejan ordeñar o están hinchadas". Pero poida que non se trate concretamente desta enfermidade, senón de calquera outra, curse ou non con merma na produción de leite. Veremos no capítulo 12 que moitas veces os gandeiros atribúen ó meigallo as enfermidades do gando. De feito, noutras fontes vemos que o *fumazo* é a "hoguera que se hace la víspera de San Juán o el día de Ramos con laurel bendito para sacar el *meigallo*" (Burón, Cab., Cod., Mon., Suarna). Así mesmo, Alfredo Brañas recolleu o rito de recibi-lo fume das lumeiradas de san Xoán para previ-lo *mal da pezuña* (glosopeda, ver 8.3.5). (Piquín).
9868 **herbanzo** *s.m. Ú. m. en pl.* Tratamento do mañoso a base de herbas. *Pra mortanzos non sirven herbanzos*. (Piquín).
9869 **ingüento** *s.m.* Substancia graxa e pastosa que se emprega principalmente para cura-las inflamacións. (ERG).
9870 **manciñada** *s.f.* Remedio caseiro. (Cur.).
9871 **manxurrada 1** *s.f.* Menciña caseira, líquida e feita de varias mesturas. (Lan., Lugo1).
9872 **pegón** *s.m.* Emplasto utilizado polos menciñeiros para curar golpes, escordaduras etc. [O Tío Pueira] *curaba as dores e as mancaduras de animais e das persoas. Coñecía moi ben o corpo humano e animal, tódolos ósos e tódalas partes. Poñéndo a man sobre o doente xa sabía o que tiña. Facía un 'pegón', é dicir, un ensamblaxe dun pau, un anaco de tea encarnada, mel e herbas. Poñía isto na parte doente logo de poñe-los ósos no seu sitio se era preciso.*[...] *Non sempre usaba as mesmas herbas. Para cada parte do corpo ou para cada dor empregaba herbas diferentes*. (Loures.:124).
9873 **pochada** *s.f.* Remedio caseiro para cura-las feridas nas unllas das vacas ou cando se resentían dos pezuños, feito con ceruda, unto, sulfato e sal. Botábano na pata e cubrían cun trapo ben atado á pata. (Friei., Gud5, Hermi.).
9874 **menciñeiro 2** *adx.* Medicinal. (Piquín).

A herba piniña todo mal tira. (VLLM:2,490) [408]
Boi con lagartiña, manta queimada na fígoa. (VLLM:1,155) [409]

[408] Llópiz explica que esta herba, tamén chamada *herba piñeiriña* é o mirabel, planta labiada, que ten un talo que bota un zume viscoso de aspecto e olor que fai lembra-la trementina e engade que na medicina popular fanse empostas con este zume para reduci-los inchazos e para cura-las feridas.

[409] Llópiz explica que *lagartiña* ou *lagartola* é o *panadizo* ou inflamación dunha chaga aberta no casco da vaca (*taxoula/texoula*), e *fígoa* é unha chaga enconada. Engade tamén que é remedio dos albéitares e que o recolle en Ferrol do prof. veter. V. Muñiz.

Vaca con lagartola, tarrón queimado á taxoula. (VLLM:1,155) [410]
Cinza de borralleira, herba do monte e aceite de olivas, boa pra empinxas e fridas. (VLLM:2,503) [411]
Fervendo hedreira, fregas á muller e logo abrégoa. (VLLM:2,516) [412]
Nove follas de hedreira fan abregoar ás femias. (VLLM:2,516) [413]
Sete follas de hedreira, fregas á muller e logo abrégoa. (VLLM:2,516) [414]

8.9.2.3. Accións do menciñeiro relacionadas coas enfermidades

9875 **cheifa** *s.f.* Burato que se lles fai ás vacas nas unllas para que supuren o brume. (Hermi.).

9876 **ensalmo** *s.m.* Modo supersticioso de curar por medio de oracións ou conxuros. (ERG).

9877 **herbadura** *s.f.* Acción ou efecto de herbar. Ver HERBAR 1 /9889. (Piquín).

9878 **piteira** *s.f.* Ver CHEIFA /9875. (Hermi.).

9879 **apegoar** *v.* Soldar un óso rompido, un corno desprendido etc. mediante remedios caseiros. *Hai labregos moi expertos en curar e coidar a facenda, coma o de sangra-la vaca con pedernal, apegoarlle un corno ou pata rompida, administración de artemixe, etc*. (Friei.:199).

9880 **atallar** *v.* Ver COUTAR 2 /9881. (Parade.).

9881 **coutar 2** *v.* Curar -ou intentalo- [unha enfermidade do gando] mediante o uso de ritos e esconxuros. (Incio, Mel1, Parade.).

9882 **delubar** *v.* Trata-las nubes dos ollos [ás vacas], botándolle o po da cuncha da xiba moída. (Moura.).

9883 **desembazar** *v.* Quitarlle o *mal do embazo* -indixestión- [a un animal]. (Incio).

9884 **desherbar 1** *v.* Sacarlle [ós animais] o heléboro, *herba do gando*, que se lles aplica como remedio dalgunha enfermidade. Ver HERBAR 1 /9889. (ERG).

9885 **encoutar** *v.* Ver COUTAR 2 /9881. (Lan.).

9886 **enferrar** *v.* Cauterizarlle [unha parte calquera do corpo a un animal] para curarlla. (Nove).

9887 **enherbar** *v.* Ver HERBAR 1 /9889. O noso informante de Raiaseca aplícao concretamente ó gando lanar: *Cando unha ovella é picada ou mordida pola 'rela', hai que sacarlle o sangue infectado, picándoa na lingua. Outro remedio eficaz é 'enherbando' o gando coa 'herba do gado', cortándolle a pel do pescozo, logo meténdolle a herba dentro, despois cósese o cerne* (Raiaseca:141). (CP, Piquín, Raiaseca).

9888 **ensalmar** *v.* Curar ou pretender curar por ensalmos. (ERG).

9889 **herbar 1** *v.* Aplica-la *herba de herbar* ou *herba do gando* [a unha res enferma] en medio dunha cisura que se lle fai na pel. Rivas Quintas indica que nas femias se debe utiliza-la planta femia e nos machos, a planta macho. Esta mesma operación terapéutica faise tamén noutras latitudes e, ó que parece, desde tempos dos romanos: "Los pastores, yegüeros y vaqueros se sirven de esta especie con mucha confianza para libertar sus cuadrúpedos de las enfermedades epidémicas a que están sujetos. El modo y forma con que la usan es el siguiente: Atraviesan con una aguja la papada de los bueyes; la piel que cubre el cuello de los caballos por debajo; y las orejas del ganado lanar, introduciendo en las heridas una fibra de la raíz de esta planta. En nuestros montes de León practican frecuentemente esta operación, especialmente en la jurisdición de Astorga, que llamamos Maragatería, donde la comprehenden bajo la frase de *echar cañones*, y lo mismo en todas nuestras montañas. Y sin duda es antiquísima, pues nuestro español Columela la

[410] Llópiz: *á*. Recólleo de F. Monroy e explica que outro remedio dos albéitares para as chagas dos cascos consistía en aplicar un terrón con céspede fresco e as súas raíces sobre a chaga enconada. No apartado 8.3.9.1. *Necrobacilose podal* xa explicamos que un tratamento para as infeccións e feridas do pezuño consistía en cortar todo arredor da pata enferma un terrón de herba que logo poñían a secar. Segundo ía secando a herba, ía curando a pata.

[411] LLopiz escribe *borraleira* (cousa que corriximos porque nos parece un erro de escritura) e explica que se usa *para curar empeines* (sic), *herpes y llagas supurantes*; recólleo de Fray Bermuz, Arzúa.

[412] Llópiz: *edreira, â*; explica que *abregoar* é expulsa-la placenta e as secundinas e que con este remedio pretendíase alivia-las paridas e evitar complicacións. Comentando un refrán paralelo di que se aplicaba tamén en albeitería. Recólleo de Rafaela Gutiérrez, profesora en partos de Vigo.
Font Quer non recolle para a hedra ningunha indicación neste sentido, pero si lle recoñece propiedades vasodilatadoras en pequenas doses e vasoconstritoras a doses altas, o que a convirte en vomitivo e mesmo tóxica por vía interna. En cocemento e por vía externa aconséllase para activa-la cicatrización de calquera chaga e úlcera tórpida (FQ:472).

[413] Llópiz: *edreira, fan*, *âs*; explica que as fregas se deben dar coa infusión das hedras no ventre. Recólleo de E. Couñago Puga, do Porriño, e di que tamén se utiliza en albeitería.

[414] Llópiz: *edreira*.

describió en su tratado *De re rustica*, en tiempo de Claudio, emperador, y sin duda la aprendió en su misma patria, donde se conserva hasta el presente" (FQ:207). Prado *Lameiro* pon esta operación nas mans dun personaxe aldeán que presenta como disparatadamente lido na súa peciña teatral *Tratos* (PL8:67): *T. Saródea -¿E casámonos? Xerómeno- Cando queiras. T. Saródea -Pois entón, si. E verás que bén o imos pasar c'o que ti tés e c'o que eu teño. Xerómeno- Boeno... o qu'eu teño non é cousa; pro, se non teño térra, teño eiquí (sinalando a testa) unha canteira que leva dado y-a dal-o seu. Eu o mesmo capo un marrau, que hérbo unha vaca, que defendo unha custión n-o xusgado*. (CP, Piquín, PL8, Raiaseca).

9890 **meigueirar** *v.* Curar con esconxuros e ensalmos. (Dum.).

9891 **sangrar 2** *v.* Realizar unha sangradura [a unha vaca] como remedio terapéutico utilizado adoito contra diversas enfermidades. *Hai labregos moi expertos en curar e coidar a facenda, coma o de sangra-la vaca con pedernal, apegoarlle un corno ou pata rompida, administración de artemixe, etc* (Friei.:199). *Había no mesmo lugar un curandeiro que tiña moita sona contra o mal das reses, pois na redonda non había outro que entendese tan ben coma el o mal da nacida, nin que sangrase mellor unha vaca ou un cocho* (JRL2:265). Debemos sinalar que o recurso ás sangraduras como remedio terapéutico resulta tan ineficaz como estendido o seu uso, polo menos ata hai ben pouco. Hipócrates e, posteriormente, Galeno explicaban os estados de saúde ou enfermidade pola presenza (en calidade e cantidade) e proporción dos catro humores cardinais: sangue (orixinado no corazón), pituita (no cerebro), bile amarela (no fígado) e bile negra (no bazo). As enfermidades xurdían como resultado do predominio dun humor sobre os demais, e a sangradura pretendía reduci-la proporción do sangue, único humor sobre o que se podía actuar. Os médicos (e albéitares) utilizaron durante séculos profusamente a sangradura contra case calquera enfermidade, con resultados ás veces catastróficos. E aínda que hoxe en día desapareceu da práctica terapéutica, permanece presente na medicina tradicional, tanto humana como veterinaria. (Friei., JRL2).

9892 **coutar o lobazo** *loc. v.* Trata-lo carbuncho dándolle "unha lancetada por diante do inchazo para que por ela salia o mal que teña". (Parade.).

9893 **levar a desherbar** *loc. v.* Levar [o gando] a comer carqueixa, cando perde o apetito. (Ctel1, ERG).

9894 **pó-las mans** *loc. v.* Realizar unha manipulación terapéutica. *Eu vóuchelle pó-las mans á vaca pero baixo a túa responsabilidade*. (Ctel1).

9895 **tapa-la ferida** *loc. v.* Facerlle a cura [a unha ferida]. (Cur.).

8.9.2.4. Outras accións

9896 **coar** *v.* Capar [os machos] sen extraerlles os testículos, senón atándoos contra o abdome para provoca-la súa atrofia. O noso informante do Grove sinala que se emprega *coar* para refirirse a cabalos ou bois, e *capar* para os porcos. (ERG, Gro4).

9897 **enxemar** *v.* Cortarlle o rabo [ós animais] pola xema como prevención dunha necrose. Ver XEMA 1 /2231. (Nove).

8.9.2.5. Trebellos do menciñeiro

9898 **escarcha** *s.f. Ú. m. en pl.* Táboa coa que se inmobiliza unha extremidade afectada por fractura ou luxación. (Ctel1).

9899 **esteliza** *s.f.* Taboíña que se usa para curárlle-las fracturas dos ósos das patas ás vacas. (Vala).

9900 **lucio** *s.m.* Ferro incandescente para cauterizar un animal. (Cal.).

8.10. Os produtos da vaca na terapéutica popular

A medicina natural utiliza herbas, minerais e animais nos seus remedios terapéuticos, adoito rodeados de elementos máxicos e oracións. Nesta sección imos recolle-los diferentes usos dos produtos da vaca e ritos máxicos nos que se usan os bovinos para desencadea-lo proceso sanador.

Moi común é o emprego de **leite** quente, só ou mellor mesturado con algún licor de forte gradación alcohólica, no tratamento das catarreiras e gripes, coa intención de aumenta-la sudoración [415]. Así, por exemplo, en Paradela aconsellan: *No caso de que un ande meio enxangado co catarro ou coa gripe, hai quen toma ademais á deitada na cama unha cunca de leite fervido, ben quente con augardente ou cun pingo de torresmo* (Parade.:217).

Noutros sitios aconséllanse outras mesturas, sempre con leite, como eficaz remedio caseiro: con mel, con allo; e tamén ouregos fervidos con leite ou a infusión feita con allo e leite ben quente (Raiaseca:256).

Para cura-la sarna tamén se utiliza a casca do sangubiño (*Cornus sanguinea*) cocida en leite (Raiaseca:264) e na Gudiña, para cura-la tose ferina, xofre disolto en leite (Raiaseca: 253) e para as lombrigas dos nenos, unhas pingas de zume de apio ou de hortelá en leite (Raiaseca:261) e para os cálculos biliares infusión de romeu, ou leite con mel (Raiaseca:265).

Un pouco de leite dentro dunha bulsa de plástico e, á súa vez, envolta nun pano, e colocando este sobre a cabeza do enfermo, serve en Castro de Rei para calma-la dor de cabeza (Lea:95).

A **manteiga** de vaca, mesturada no chocolate ou nun caldo de galiña, dábaselles ás mulleres acabadas de parir, sobre todo se, tralo parto, non quedaban ben de todo (Parade.:214 [416], EBI:204 [417] Cañiza3:128 [418]).

Tamén se utiliza externamente. A manteiga obtida da parte dos riles do gando vacún, a graxa da rilada, servía para cura-lo *catarro de barriga*, untando o ventre con sebo ben quente (ERG:catarro , Velle1:241).

Ó cabo de catro días
alá pola media noite
e o pobre Xacobo
que tes, Carmeliña
eu non sei que teño
vola polo médico
pero antes de marchar
pa fregharlle esta barrigha
Xacobo descalzo
catorce escaleiras
abreu a lacena
e de tanta prisa
Xacobo todo apurado
e chorando o pobre home
frótame, frótame
aprétame ben
eu non sei que teño
dolores tan grandes
que de casados levaban
Carmela púxose mala
tirouse da cama
miña nemorada [419]
nin que poido ter [420]
Xacobo a correr
traime unha pouca manteiga [421]
que me doi que é unha meigha [422]
mortiño de frío
saltounas dun brinco [423]
colleu a manteigha
rompeu a pucheira
colleu unha presa chea [424]
foi pa xunto da Carmela [425]
Carmela decía
de baixo pra riba
na miña barrigha [426]
n-os tiven na vida... [427]

Así mesmo, a manteiga de vaca, mesturada con xofre e augardente, dá unha boa pomada contra a sarna (Sete-S); aclaremos que neste remedio, a manteiga só cumpriría o papel de excipiente, de vehículo para facilita-la aplicación do suposto principio activo.

---

[415] Suponse, parece ser que erroneamente, que este aumento da temperatura corporal axudaría á recuperación destas enfermidades.

[416] *Á muller recén parida ou a calquera persoa doente ademais dos caldos de galiña que toma previamente ao almorzo, fanlle tamén duas onzas ou 'castañas' de chocolate con leite ou con auga, se non pudera tomar leite, cociñadas e batidas nunha chocolateira* (a *castaña de chocolate* é a decimosexta parte en que se divide a libra de chocolate).

[417] Recollido en Outeiro, Marín. Xa falamos anteriormente do costume de darlle chocolate, só ou con leite, ás mulleres e mesmo ás bestas ou vacas recén paridas.

[418] *Á muller parida dábaselle un galano, que podría ser unha libra de chocolate, unha ducia de ovos, azucre, pantrigo, manteiga de vaca -'que era boa para a matriz'- para facer tostadas borrachas, e outros* (Cañiza3:128).

[419] No texto: *qué tés*.

[420] No texto: *qué*.

[421] No texto: *traim'unha*.

[422] No texto: *fregharll'esta, qu'é*.

[423] No texto: c*atorc'escaleiras*.

[424] No texto: *tod'apurado*.

[425] No texto: *chorand'o*.

[426] No texto: *qué*.

[427] SCHU4/2/116. Fragmento dun romance. Ó final, resultou que a Carmela estaba de parto.

Sobradamente coñecido é o efecto astrinxente, contra as diarreas, do chocolate e o arroz fervido. Tamén utilizan estes remedios en Monterrei, coa particularidade de que este arroz debe cocerse en auga na que antes se fervese a **pata dunha becerra** (XTC3:41) .

En Cualedro (Ourense), intentan cura-la *caída da paletilla* colocando enriba do enfermo o **páncreas** dunha vitela, con canela, e logo danlle a tomar unha onza de chocolate (Cuale.:108). Tamén fan o mesmo *cos que padecen do fígado e do bazo*.

Delmira Maças recolle en Portugal a recomendación da *pedra que se acha no coração de touro velho e silvestre*: disque, traída ó pescozo, usábase en 1731 contra a dor do fígado (DMA:307 [428]). Supoñemos que esa 'pedra do coração' é realmente un dos dous ósos cardíacos que existen nesta víscera, no espesor da zona aórtica, característicos do vacún (o que permite diferenciala da procedente doutras especies de abasto) e que só aparece, coma tal, nos exemplares adultos, mentres que nos de menos de dous anos é só unha peza cartilaxinosa [429].

Non sabemos se tamén se usaron en Galicia, pero sabemos que en Portugal os *olhos de bezerro malhado* son remedio contra a insolación aínda que o informante non especifica cómo se utiliza (DMA:307 [430]).

O **sangue** fresco, recollido no matadoiro e dado a beber directamente, empregábase en Lourizán (Marín) contra a anemia dos meniños (EBI:146):

> *Mira meu fillo, ahora xa che din os médicos que morres, ¿non? non te derrotes mais, miña filla (hablándole al enfermo y a su madre) ¡Dalle sangre do matadero! O rapaz estaba anémico e perdía os globos [sic] e todo. ¡Dalle sangre! E o rapaz como non sabía o que tomaba, que era pequerrechiño, tomaba as primeiras cucharadas, non sabía o que tomaba que era pequeniño: tería, tería un ano, por ahí tería. Tomaba unha media copa, dispois chegou a darlle a copa, daquelas que había antes que eran pequenas, que agora xa non hai. Fomos logo a un médico de Vigo e doulle entre outras cousas caldo gallego, zanahorias, o outro, o outro..., esmagullado todo aquilo: os tiesos (el cerebro) e iso, os tétanos ou iso dos huesos. O rapaz sandou, pero doulle a vida a sangre.*

Algún outro uso terapéutico debía te-lo sangue de boi, que non puidemos determinar, cando no *Reglamento de Mataderos* de 1918 se especificaba o seguinte:

> *Art. 43. No se permitirá introducir en las degolladuras de las reses brazos o piernas de persona alguna, aunque ésta lo solicite para aliviarse de alguna enfermedad, así como la realización de cualquier otra práctica que fuese atentatoria a la higiene pública.*

O único que conseguimos saber relacionado con isto foi que baña-las mans e brazos no sangue dos touros de lida era un remedio común e actual no Maestrazgo valenciano para combate-las espullas, eccemas e a psoriase [431]. Tamén en Portugal se usaba o sangue de boi (e mailo leite de besta) para cura-las doenzas do peito [432]. No *Novísimo Formulario Magistral* de Apollinaire Bouchardat (1893), utilizado como libro de texto nas facultades de medicina da época, aconséllase o sangue de becerra, bebido en quente, á dose dun vaso pola mañá, en xaxún, como *excelente corroborante* (é dicir, con propiedade de dar forzas, estimulante) e inclúe gravados do século XIX que mostran a xente (*señoritos despues de una juerga*, segundo reza o pé) bebendo vasos de sangue nun matadoiro.

Nótese que tamén existe a crenza oposta, expresada no *Compendio de albeitería* (FSL:256-257), co que pecharemos este capítulo, segundo a cal o sangue de touro fresco e bebido *mata por puntos*.

As **pedras bezoares** (véxase 5.2.5.1.1), concrecións calcáreas que ás veces aparecen na panza das vacas, usábanse para cura-la rabia (JRL:154 [433]).

Xa vimos que un remedio contras as espullas do gando era atalos pola base cunha **seda do rabo** da mesma vaca para que sequen (Cam2, Arc1, Callo.). Pois tamén se recorre a este mesmo sistema para cura-las espullas da xente (Lea:95).

---

[428] Recólleo da *Rev. Lusit.*, IV, 183.

[429] A ovella posúe un óso cardíaco, e a cabra dous, pero námbalas especies permanecen en estado cartilaxinoso.

[430] Cita Teófilo, *Canc. Pop. Ptg*., II, 263.

[431] Comunicación persoal dun veterinario de Villafranca del Cid, Castellón, que asistiu persoalmente a esta práctica, en 1999, e comprobou entre matarifes e carniceiros que era cousa normal nesa zona. Naturalmente, o baño de sangue facíase no matadoiro da praza de touros, e ó que parece só servía a este fin o sangue de touro bravo e non o do resto dos vacúns nin de ningunha outra especie de abasto.

[432] DMA:307. Cita *Rev. Lusit*., XVII, 39. O informante non especifica a qué doenzas do peito se refire pero ben podería tratarse da tuberculose.

[433] Ver en Lis Quibén (VLQ:56), as posibles relacións destes *bezoares* coa *pedra kaimán* (concreción que di existir no cerebro de certos monos, tigres e caimáns, dos que lle vén o nome) e coa *pedra bahazar*, esta última citada xa por Jerónimo Cortés en 1765. Risco, pola súa banda, sospeita que se poida tratar dunha *pedra imán*, relacionada coa medicina baseada no magnetismo (VR1: 476).

As raspaduras de **corno** de vaca, mesturadas con chocolate, empréganse para corta-las diarreas (Morei:306).

A **bosta** fresca de vaca utilizábase na illa de Ons para cura-las queimaduras (Ons:625); tamén constatámo-lo seu uso en Sarria nos anos sesenta. E a procedente dunha vaca parida, aplicada en quente durante sete días, disque é boa contra o herpes (VLQ:206 [434]).

No val de Monterrei utilizan bosta fresca contra calquera clase de chagas, así como terra, lama ou arañeiras (XTC3:37).

En Portugal entra na composición de fumigacións para *desentupir o nariz* (DMA:307 [435]).

Un remedio para cura-lo cabaleiro consiste en durmir coa **molida** dunha vaca apoiada no pescozo, e mellor se aínda conserva a calor do animal (VLQ:307). En Portugal é o xugo ou canga dos bois, tamén aínda quente para que a operación teña éxito, o que se utiliza para potencia-lo exconxuro contra a parotidite ou *orellóns* [436]. Colocado o xugo no pescozo do enfermo dise por tres veces:

Assim como boi e vaca cangam aqui
Assim tesorelho tu fiques aí!

Ou ben:

Tisorelho vai-te daqui
Que bois e vacas cangam aqui!

Ou estoutro exconxuro:

Tesourelho bravo
Sai-te daqui...
Vacas e bois cangaram aqui...
Assim como isto é verdade
Assim tu seques aí!

Tamén resulta eficaz, co mesmo obxectivo, o cordel utilizado para capar touros (DMA :307).

En Valdeorras, para cura-lo *enganido* -ou raquitismo- dos rapaces, aproveitan cando alguén está a labra-las terras. No momento que a xugada remata un suco e dá a volta, colocan o meniño no fondo do suco, diante dos bois para que estes o vexan, *y desde aquel momento, bajo la acción de sus miradas, el niño queda curado* (VLQ:83).

Os **bois na arada ou turrando do carro** son invocados en distintos ensalmos para o tratamento do *fogo ardente* ou *fogo de san Antón* (intoxicación provocada polo cornizó do centeo e coñecida tecnicamente como ergotismo). Recollemos estes dous:

Fogo ardente
que queimas a xente.
¿Dónde vai tu padre, niña?
En la arada
busca dos bois
a mais d'aguillada,
con unto de porco blanco
e terra de nove tupieiras
Co-axuda de Dios
e da Virxen María,
un Padre Nuestro
e-un Ave María [437].

Neste segundo ensalmo podemos ver unha referencia ás lendas xacobeas da traslación do corpo do apóstolo nun carro tirado por dous bois que os seus discípulos colleron na aba do Pico Sacro. Segundo a tradición, ó remata-lo ensalmo hai que pousar un anaco de pan na herba do monte:

Pico Sagro, Pico Sagro,
que te consagrou o bendito Santiago,
con seus boys e con seu carro,
líbranos d'este fogo airado.
Por la intercesión de la Virgen María,
un Padre Nuestro y un Ave María [438].

[434] Recollido en Cambados.
[435] Cita a *Rev. Lusit*., XVIII, 261.
[436] DMA:307. Tamén CV1: 610.
[437] VLQ:24.
[438] FC-FB: 177. Este ensalmo está tamén recollido por VLQ:291 e, parcialmente, ERG.

E, para rematar co uso dos produtos da vaca na terapéutica máxica, tamén sabemos que se aconsella lava-los ollos na **auga na que bebeu un boi** e deixou algunha escuma para cura-las inflamacións dos ollos (DMA:307 [439]).

A catarro forte, talladas e viño. (ERG:catarro) [440]
Come leite e bebe viño e chegarás a velliño (ZM:65)
Come leite e bebe viño e chegarás a vello sendo un mociño. (XTC4)
Come leite e bebe viño e, de vello, serás mociño. (XMSH:184; ERG:comer; VIÑO:13; XLF2:28; ZM:65)
Con leite e viño o vello vólvese neniño. (XTC4)
Leite con viño fai ao vello meniño. (ZM:126)
Leite con viño fai do vello un mociño. (Carte.)
Leite despois do viño, veneno fino. (SCD:52)
Leite e viño fan ó vello mociño, se non queda no camiño. (Curro)
Leite, mel e mosto tiran ao home pra mozo. (VLLM2) [441]
O leite co viño fai do vello meniño. (FBB:228; Grou)
O leite co viño fai do vello mociño. (VS)
O leite co viño fai do vello mociño, se non mata de camiño. (VS) [442]
O leite co viño fai ó vello mociño. (Trazo)
O leite co viño fan do vello mociño. (VS)
O leite co viño fan do vello un mociño. (XTC4)
O leite e o viño fan do vello mociño. (XMSH:184; VS; Cou3) [443]
O leite e o viño fan ó vello mociño. (ERG:leite/vello; VIÑO:16; JASA:338; JASA2:411; JASA3:225; XLFG; UCA2:51; VS) [444]
O leite e o viño fan ó vello mociño, se non o matan de camiño. (XMSH:97; Carb-L:221) [445]
O que de vello queira volverse mociño, que tome o leite despois do viño. (VS)
Sopas de leite e bon viño póñenme noviño. (VS)
Leite tirada da teta avada a door da orella. (VLLM:2,492) [446]
¿Mirras na cara? Nasura de vaca. (VLLM:2,512) [447]
Tona de vaca tira as encollas da cara. (VLLM:2,512) [448]
Non hai mellor ciruxán que a boa carne, o bo trago/viño e o bo pan. (Camb1:89) [449]
Non hai millor ciruxán que o bo pan, a boa carne e o bo trago. (ERG:ciruxano; VIÑO:28; XMSH:63) [450]

---

[439] Cita a *Rev. Lusit*., XX, 79.

[440] Lémbrese que, por unha banda, *O mellor manciñeiro é o carniceiro*, e, por outra, *Ó catarro, dálle co xarro*.

[441] Llópiz recólleo en Curtis.

[442] VS: *si non-o mata*.

[443] No texto: *i o viño* (Cou3); *i-o viño* (VS). Saco dá esta variante que nos parece un erro: *A leite y-o viño fan do neno* [sic] *mociño*. Fole contextualiza así o refrán: *O Larón, un labrego que faguía de enterrador, estaba abrindo unha cova cun picachón de longo mango. Cabo dil tiña un porrón cheo de viño. Cada pouquiño achegábase ó porrón e botaba un trago. Era un home moi forte de carrelo ancho e pouca perna. Aínda que non catara o leite, soía decir: 'O leite i o viño fan do vello mociño'* (Cou3:118).

[444] No texto: *ao, mociño* (*meniño*) (UCA2); *i o viño* (ERG); *i o viño, o vello* (VIÑO); *y-o viño* (JASA); *y-o viño, o vello* (JASA2); *i o viño, o vello* (JASA3); *ao vello* (XLFG). Saco dá tres variantes: *i-o viño*, *y-o viño* e *e-o viño*, así como a oscilación *mociño/meniño*. Dá o seguinte equivalente: *La leche y el vino, hacen al viejo niño* (Sbarbi).

[445] XMSH: *se nono*. Rodríguez Porto (*El Progreso*, 9.03.1991) explica así o refrán: *O que quere dicir que ás veces ó vello o leite e o viño élles forte e teñen que rebaixalo con auga.*

[446] Llópiz: *doór*; engade que o remedio consiste en aplica-lo pavillón da orella dolorida e muxindo para que o chorro penetre ben no oído. Parecería que a tal teta é a da muller por denominarse así fronte ó da vaca (ubre e tetos), aínda que cabe que sexa a da vaca por tres razóns: unha que, aínda que Llópiz non localiza este refrán, nós si temos rexistrado *teta* como teto do ubre da vaca ou como o ubre mesmo; outra, que *teta* pode estar en feminino para rimar con orella; e outra, que non sempre se dispoñerá de suficiente confianza cunha muller lactante para aplicar ese remedio mentres si que é doado atopar unha vaca en calquera necesidade. Pero Taboada Chivite recolle efectivamente o uso do leite de muller para cura-la otite, en Monterrei: *En las otitis desaparece el dolor echando en el oído enfermo leche de mujer, o taponando el conducto con un trozo de jamón viejo* (XTC3:42) e tamén recollen este remedio en zona próxima Rodríguez Cruz e Lourenço Fontes (Raiaseca: 261).

[447] Llópiz non abre interrogación; explica que *nasura* é a tona fresca do leite das vacas e que é remedio para as engurras usado no Alto Val de Rodil (Lugo).

[448] Llópiz: *vaca, tira*; recólleo de X. Prado Lameiro en *O Tio Marcos d'a Portela*.

[449] Camb1: *bó*.

[450] No texto: *ciruxano, i o bo* (VIÑO); *ciruxano*, *có* (XMSH); *i o bo* (ERG).

O viño é o leite dos vellos. (ERG:viño; VIÑO:18; XAM2:28) [451]
Pra vivir moito e san, comer leite callado. (RCI:111) [452]

Se tes unha cagadela
chama a túa nai
que muxa o leite
da vaca marela. [453]

Propiedades medicinales, y aun mortíferas, del Buey [454]	
Avicena escrive, que la ***hiel*** *del Buey, mezclada con salitre, vale para quitar toda manera de postillas, que salen à la cabeza; pero se han de vntar primero con vn poco de azeyte, para que se levanten las costrillas; y alzadas, viene bien el vnto de dicha hiel, y el salitre. Notad, pues, viene al proposito vn admirable vnguento, y muy facil para quitar, y sanar todas, y qualesquier postillas; y aun con esto he visto sanar cierta especie de tiña. Tomad dos quartos, ò quatro con los dos diaquilones, y mezclarlos, derritiendolos en vna caçuela con vn poco de azeyte rosado, y que este vn poco claro, y con esto untareis las postillas, ò otro qualquier mal que se hiciere en la cabeza, y sanara sin falta; y es probado. El mismo Avicena dice, que la hiel del Buey, sana, y quita el dolor de las almorranas. Plinio escrive, que el* ***mehollo de la canilla*** *de la pierna del Buey, mezclada con la sangre del mismo, y vntado con ello la parte, que caen los cabellos por enfermedad, la fortaleze, y detiene, para que no caygan. El mismo Plinio dice, que la* ***hiel*** *del Buey, mezclada con orina de Cabra, quita la sordez y pesadumbre de las orejas. Hali escrive, que la hiel del Buey, puesta con algodon dentro de las orejas, quita el dolor, y ruido de ellas, y mas si fuere de frio; y mas dice, que vntando las almorranas con dicha hiel, quita el dolor de ellas. Plinio dice, que la* ***sangre*** *del Toro, cocida con coles, y aplicada al vientre opilado, deshace la opilación; y asimismo deshopila el bazo. Hali dice, que el* ***estiercol*** *del Buey resuelve qualquiera inchazon, y dureza de apostema; y mas, que el polvo de dicho estiercol quemado, y aplicado à las narizes, retiene el fluxo de sangre. Tambien dice, que si dicho estiercol se mezclare con manteca de bacas, y hecho emplasto se aplicare al vientre del hydropico, le deshara la hydropesia, y sanara del todo; mas dice, que el* ***higado*** *del Buey, hecho polvos, quemado, y bebido con vino tinto, retiene las camaras, y el fluxo de sangre. La* ***verga*** *del Buey, quemada, y hecha polvos, vale para sanar las almorranas, lavandolas primero con vino blanco caliente, y luego polvorizarlas con dichos polvos, y à tres vezes quedaran marchitas, y curadas. Mas: para embarrar las colmenas de las Avejas, todo el mundo sabe, que es importante el* ***estiercol*** *del Buey; y para las cañas, en que se crian los gusanos de la seda, no ay otra cosa mejor que el dicho estiercol; y si es seco, y lo encienden, vale para ahuyentar los mosquitos de los aposentos, y para otras infinitas cosas, segun que largamente lo escrive Dioscorides en lo de natura animalium.*	Fel Medula ósea Fel Sangue Bosta Fígado Pene Bosta
La ***sangre*** *del toro fresca, y bebida mata por puntos, como lo experimento el Rey Midas, segun escrive Plutarco, diciendo que este Rey, viendo que no podia curar ciertos espantos, que tenia, ni librarse de imaginaciones terribles, que de ordinario le acudian, determino matarse con la sangre del toro fresca, bebiendo de ella acabo sus dias. Plutarco escrive que un Capitan, llamado Temistocles, que viendose desterrado, sin esperança de gozar de su Patria, fingio sacrificar vn toro, y sacandolle la sangre, se la bebiò, y acabada de beber muriò. Finalmente, la* ***manteca*** *de baca es de muy grande provecho para infinitos medicamentos, y regalos de la vida humana, como todos saben; por lo qual no me alargo mas.*	Sangue Manteiga

[451] VIÑO dá esta var.: *O viño é o sangue dos vellos*.
[452] No texto: *sano, coallado*.
[453] RCI:177 (*cagadela*), RCI:130 (*cagalera*).
[454] FSL: 256-257.

Capítulo 9. O GANDO E O GANDEIRO

Capítulo 9. O GANDO E O GANDEIRO

9.1. Notas verbo do nacemento e evolución da gandería en Galicia

A domesticación dos bovinos adoita situarse entre o 5º e o 6º milenio antes de Cristo (algúns retrásana ó 8º) pero nós ignoramos se isto se pode aplicar a Galicia. O que sabemos é que dende a prehistoria hai bois e vacas en Galicia. Do que si hai probas é de que é moi antigo en Galicia o consumo da carne de bovino: os científicos encontraron probas da utilización de manteiga de vaca como aglutinante das pinturas no dolmen de Dombate (Cabana de Bergantiños), datadas contra o 3800 a.C., e tamén apareceron restos óseos de vacún na cova Pala da Vella (Rubiá), datados entre o 3800 e o 3100 a.C. (TerGal-MPG:29).

Naturalmente, na cultura castrexa (século VIII a.C. – I d.C.) as probas son máis abundantes: os restos de comida que se atopan nas escavacións nos castros galegos demostran que a carne de vacún formaba parte da dieta dos nosos devanceiros galaicos: os restos encontrados no castro de Santa Tegra falan dun 70% de ovicápridos e un 38% bovino, mentres que nunha zona máis plana, A Lanzada, as dúas especies aparecen equilibradas no 47%. Pero no conxunto da área castrexa (que comprende Galicia, toda a terra portuguesa ó norte do Douro, e mailas zonas exteriores de Galicia ás que aínda chega ou chegou a lingua galega) a primacía do gando bovino é clara e a idade de sacrificio superaba sempre os 24 meses: daba a maior parte da achega cárnica na alimentación, xa tiraba do carro [1] e daba o coiro necesario para o calzado e moitos outros utensilios (JRCor: 80-81).

Certos nomes das pezas do carro son celtas e isto chegaría para asegurar que os bois e as vacas levan domesticados en Galicia varios milenios. Vaca e boi son animais multifuncionais que se axeitan perfectamente á estrutura económica da Galicia tradicional, que durante milenios debeu de ser moi semellante á de toda a Europa occidental. A cultura material que chegou a nós ten moito en común coa do resto de Europa. Observamos unha unidade esencial en carros, xugos, arados, grades e outros trebellos en diferentes países de Europa non só hoxe senón tamén no que permiten ve-las imaxes que de tempos pasados nos ofrecen a pintura e a escultura.

Pero unha observación de detalle deixa á vista numerosas diferenzas tipolóxicas en cada país. Este libro está dedicado ás peculiaridades de Galicia. Neste capítulo afondaremos en moitas peculiaridades da nosa gandería, das nosas explotacións leiteiras e tamén dos trebellos que usa o gandeiro e que usa o labrego cando traballa co gando.

[1] Así se ve nun bronce votivo de Costa Figueira.

9.1.1. Hai mil anos o gando vacún foi o patrón monetario en Galicia

Da mesma maneira que no mundo homérico as adquisicións máis valiosas pagábanse en bois [2], en Galicia entre os séculos X e XI os bovinos volveron se-lo patrón monetario para os intercambios comerciais.

Rubén García Álvarez demostrou que, entre os séculos X e XI, a circulación monetaria en Galicia era moi baixa, a pesar de que en Galicia aínda seguían circulando algunhas moedas de ouro e de prata da época sueva ou da época visigótica (que xa non se usaban no resto de España). En moitos casos a actividade comercial realizábase mediante o troco de bens de valor relativamente estandarizado e estabilizado: o moio de cereal, a ovella, a vaca, o becerro, o boi. Máis aínda, no século XI os documentos de compra-venda xa case nunca dan prezos en moeda (RGA:376) e esta especie de economía natural de prezos e valores estables durou ata o século XII.

Entre as moedas que nese período circulaban por Galicia, como restos da época sueva ou visigoda, a principal era o soldo galego [3] (moeda de ouro), equivalente a 12,39 soldos de prata suevos, a 15 soldos de prata visigodos ou a 10,70 moios de trigo ou millo miúdo.

O interesante é que segundo a análise que García Álvarez fixo de numerosos documentos comerciais dos séculos X-XII, un boi ou unha vaca valían exactamente un soldo e mesmo ofrece un documento de Celanova de 30.12.1000, no que se di que alguén vende unha herdade en *VIII soldares kalicenses pretium iustum, id est: bove uno, vacca I, in cibaria et vino et pannos in solidos VI*, é dicir, que a tal herdade valórase en oito soldos galegos: un, un boi; outro, unha vaca; e o resto (alimentos, viño e panos diversos), seis soldos. E tamén cita a venda en 996 dun becerro en 10 soldos de prata, é dicir, máis barato có boi (RGA:374-375) [4]. Boi e vaca eran o patrón monetario na Galicia daquel cambio de milenio.

O mesmo historiador demostra que nese mesmo período (séculos X-XI) prodúcese unha revalorización dos cereais e unha desvalorización dos bovinos tanto en Galicia coma en León ou en Castela pero que, mentres os bois se deprezan de 12 a 7,71 moios de cereal, a vaca só se depreza de 10,66 a 10,50 moios. E explica esta oscilación polo escaso valor da terra, pola mellora da gandería e polo comparativamente menor progreso da cerealicultura. Pero o feito de que se deprecie máis o boi cá vaca di que só se pode atribuír a que, mentres o boi só se valora pola carne, a vaca tamén se valora tamén polo leite, pola capacidade reprodutora e por posibilitar a industria artesanal da queixería (RGA:376). Lembrémo-lo expresivo refrán *Máis vale un carro de vacas ca un carro de bois* (XLRG:60) [5] .

Coincidente con todo isto está o feito de que o máis antigo documento redactado en Galicia que menta unha vaca é un de Celanova do ano 935 no que Ascarigo e a súa muller Gloxilde véndenlle ó bispo Rosendo dúas nonas das pesqueiras que teñen no río Miño e o prezo é unha vaca rubia [6].

9.1.2. O gando vacún nos séculos XVII - XX

Galicia foi en diferentes épocas quen criaba a maior parte do gando vacún. Xa durante a Reconquista, Galicia foi a fonte de carne e bois de traballo para cubri-las necesidades da Castela interior. No XVI, Filipe II ordenou a entrega de 5.000 quintais de chacina na Coruña, para abastece-la Armada Invencible, o que cumpriu co sacrificio de 1.100 bois galegos [7]. Galicia tivo que volver asumir esta función de despensa cárnica de España en diversas guerras, coma tal na guerra de 1936-1939: nesta ocasión o exército de Franco concentrou en Monforte todo o gando exportable (MHB).

Co 7,9% do territorio criaba no XVIII o 31,3% do gando vacún e o 21,2% do porcino. O bovino predominaba na Iberia húmida e o ovino nas chairas cerealícolas do Centro.

---

2 Na Ilíada unha muller valórase en catro bois (Ilíada 23,705) pero Laertes, pai de Ulises, pagou por Euriclea, a ama de cría do seu fillo, nada menos que vinte bois (Odiseia 1,430). No mundo romano as máis antigas moedas (*aes signatum*) parecen que eran lingotes de bronce que levaban a efixie dun boi: é dicir, a moeda é un equivalente convencional e simbólico do valor real do animal, que segue sendo o valor real de cambio. Hoxe o equivalente xa é un billete ou a tarxeta de plástico codificada.

3 *solidos gallicanos, gallicenses, gallicarios, galleganos* (RGA:367).

4 Curiosamente nesa mesma época o gando equino era moito máis caro: entre 4 e 15 bois e, de media, 8, custando un cabalo 3,5 soldos, e unha egua, 2,50 (en cereal, 40 moios) pero no século XI triplicaron o valor equilibrándose un pouco o valor da egua e do cabalo. O valor dos porcos, como é de supoñer, era unha sexta parte do dun bovino e nese período evoluíu baixando de 2,08 a 1,91 soldos de prata (RGA:377-381).

5 Un carro de bois (metonimia dunha parella de bois) vale para o carreto de grandes pesos: toradas de carballo ou bloques de pedra; pero un carro de vacas (metonimia dunha parella de vacas) vale para o carreto (de cargas de menos peso) pero tamén trae unha cría e tamén dá leite. É dicir: á vaca sácaselle outro proveito a maiores do simple carreto.

6 *Vendimus vobis ut iam diximus ipsas duas nonas integras, et accepimus de vos precio vaca una colore rubea mostila.*

7 GEG2: s. v. *gandería*.

A parte máis valorable da riqueza campesiña era o gando: *el gran tesoro del labrador y el principal recurso de sus necesidades* (Pedro A. Sánchez [8]), *uno de los ramos máis ricos de Galicia* (Somoza de Monsoriu [9]), *un robusto nervio de Galicia* (Cornide de Saavedra [10]).

A penetración do millo no XVII supuxo un aumento do gando porcino e un descenso do gando bovino, máis no litoral que no interior. A produción de cereal impúxose sobre a gandería. No cambio de século un 33% de campesiños non chegaban a te-la parella de bovinos e o porco anual; o 44% teñen a parella de bovinos e o porco anual, un 17% están abertos á economía de mercado e un 10% son ricos propietarios de grandes explotacións: estes últimos tenden a desaparecer pasando de produtores a rentistas.

De mediados do século XVIII son estas palabras de Sarmiento (FMS6:14,9v,1531)

> *Me he detenido en el ganado vacuno porque es el que sirve de fundamento para el tal cual comercio que hay en Galicia, dentro del reino, con Castilla y con las naves que aportan a sus costas pidiendo carnes frescas, saladas o en cecina, y que pagan más que medianamente. Por esta razón, se debe multiplicar el ganado vacuno, que siempre tendrá salida o por mar o por tierra.*

O máis sorprendente deste texto de Sarmiento é que fala de exportación de carne fresca, salgada e en chacina. Aínda que algúns mosteiros tiñan no alto de certos montes construcións dedicadas a almacena-la neve que caía no inverno e gardala prensada e a estes edificios chamábanlles *neveiras* (había unha no monte Seixo da Lama), non damos imaxinado como se podían transportar daquela por barco carnes frescas.

Segundo o Catastro de Ensenada, realizado a mediados do século XVIII, en Galicia había 920.197 reses de gando bovino, moi por baixo do ovino (2.011.422) pero moi superior ó resto: cabrún (634.409), porcino (583.793), cabalar (98.122), mular (12.3639) e asnal (663) (CGP10:252). Véxase AER.

No XIX hai constancia da exportación de gando bovino a Inglaterra e só polo porto da Coruña saían 20.000 cabezas por ano e disto falaremos na epígrafe 10.12.2. Pero en 1882 a exportación galega parece que era de 19.779 cabezas e que en 1887 baixara a 8.000 (AJP:210-211).

No século XX a aparición do ferrocarril facilitou a exportación de gando ó resto de España. Rof Codina ofrece datos das reses tenreiras ou adultas que saíron de Galicia por ferrocarril entre 1907 e 1925 e di que foi unha media de 136.010 reses: tenreiros e tenreiras 90.692; bois ou vacas 45.318 (JRC:352).

O seguinte cadro conxuga datos dos últimos cen anos para dar unha idea do que é a nosa gandería bovina e que permite ver que a gandería é unha actividade económica importante de toda Galicia.

Evolución do censo do gando vacún no último século				
	1908	**1918**	**1925**	**2004**
A Coruña	209.385	497.115	476.638	378.735
Lugo	186.623	320.000	369.026	477.993
Ourense	115.641	201.812	201.643	69.841
Pontevedra	94.644	159.160	208.735	111.886
GALICIA	606.293	1.178.087	1.256.042	1.038.455

▸ Fontes: datos de 1908-1925: JRC:347. Datos de 2004: *Anuario de Estatística Agraria 2004.* Consellería do Medio Rural. 2004.

Se o cadro anterior fai ver que a actividade gandeira nos últimos cen anos interesou máis a Galicia setentrional cá meridional e que esa tendencia se acentuou notablemente nos últimos tempos, o cadro seguinte amosa que se rompeu a proporción entre gandería e territorio ocupado:

Distribución territorial do gando vacún galego en 1908 e 2004						
	Reses		**Porcentaxe das reses**		**Superficie de Galicia [11] en km²**	
	1908	**2004**	**1908**	**2004**	**Total**	**Porcentaxe**
A Coruña	209.385	378.735	34,53	36,47	7.948	26,88
Lugo	186.623	477.993	30,78	46,03	9.852	33,33
Ourense	115.641	69.841	19,07	6,72	7.270	24,59
Pontevedra	94.644	111.886	15,61	10,77	4.492	15,19
GALICIA	**606.293**	**1.038.455**	**99,99**	**99,99**	**29.562**	**99,99**

▸ Fontes: JRC:347. *Anuario de Estatística Agraria 2004.* Consellería do Medio Rural. 2004. SITGA.

[8] Citado por JMPG: 88.

[9] FSM: 153.

[10] Citado por JMPG: 89.

[11] Dada a disparidade de datos que circulan nas diferentes publicacións, utilizamos como fonte os datos da cartografía de Galicia do SITGA.

Se comparámo-la porcentaxe de territorio que ocupa cada provincia coa porcentaxe que ten de gando vemos que en 1908 o número de reses por provincia aínda era relativamente proporcional ó territorio que esa provincia ocupa; pero tamén se ve como no 2004 minguou esta actividade en Pontevedra [12] e sobre todo en Ourense; pola contra aumentou na Coruña e, sobre todo, en Lugo (JMLA, JMLA2). O dato é importante porque nos leva a descubrir unha crise que para milleiros de familias galegas resultou insalvable (50.000 familias nos últimos quince anos) pero tamén nos leva a descubrir un esforzo titánico, case épico, de gandeiros novos e dinámicos. Nas aldeas galegas conviven masas vencidas, que teñen xa a psicoloxía do derrotado, con veciños dotados dunha enerxía, creatividade e audacia admirables.

A sociedade galega urbana ou semiurbana non ten moita noticia nin do drama nin da épica, porque, en xeral, os medios de comunicación non perciben a relevancia da batalla épica que se está a librar no campo; a idea vulgar segue sendo que o futuro se xoga nas cidades e nos despachos; e iso require case toda a atención.

Pero ese cadro permitiría entender moitas cousas sorprendentes desta Galicia estraña.

9.1.4. Importancia económica do gando bovino neste cambio de milenio

O sector gandeiro constitúe conxuntamente unha das maiores empresas de Galicia. Neste segundo cambio de milenio a gandería representa en Galicia a meirande parte da produción agraria. En 2003 representaba o 62%, porcentaxe moi superior á media española (IGE) [13]; en diñeiro supoñía 1.297 millóns de euros. Se nos cinguimos ó gando vacún, estamos falando do 42,1% da produción agraria (o leite, o 28,3%; a carne, o 13,8%). E no 2005 era o 46%.

No 2004, un ano baixo, houbo en Galicia 1.038.455 cabezas de gando bovino; sacrificáronse 429.491 animais producindo 94.037 toneladas de carne (unha cantidade que viña medrando anualmente) e producíronse 2.169 millóns de litros de leite. Esa cifra global baixaría a 922.572 no ano 2006. A distribución de animais pode verse no seguinte cadro, no que ofrecemos os datos provinciais e totais do ano 2004 comparados ós totais do 2006:

Tipos de animais		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia	
		2004	2004	2004	2004	2004	2006
Animais de máis de dous anos							
Machos		778	1.501	1.793	396	4.468	3.869
Vacas	De leite	180.998	180.890	6.392	52.484	420.764	349.472
	De carne	59.492	123.203	22.396	18.547	223.638	208.030
	Total	240.490	304.093	28.788	71.031	644.402 [14]	557.502
Femias que nunca pariron	Para sacrificio	177	967	178	0	1.322	288
	De leite	10.260	8.277	223	2.068	20.828	12.849
	De carne	3.458	6.446	373	851	11.128	4.247
	Total	13.895	15.690	774	2.919	33.278	17.384
Total animais de máis de dous anos		255.163	321.284	31.355	74.346	682.148	578.755
Animais dun a dous anos							
Machos		2.280	1.318	91	50	3.739	823
Femias	Para sacrificio	1.230	1.147	323	1.201	3.901	1.443
	Para reposición	36.942	48.953	3.513	11.756	101.164	99.890
Total animais dun a dous anos		40.452	51.418	3.927	13.007	108.804	102.156
Animais de menos dun ano							
	Para sacrificio	45.714	66.382	32.311	16.138	160.545	157.813
	Outros machos	6.930	5.644	693	615	13.882	7.267
	Outras femias	30.476	33.265	1.555	7.780	73.076	76.581
Total animais de menos dun ano		83.120	105.291	34.559	24.533	247.503	241.661
Total cabezas de gando bovino		**378.735**	**477.993**	**69.841**	**111.886**	**1.038.455**	**922.572**

▸ Fonte: *Anuario de Estatística Agraria 2004.* 4. Subsector gandeiro, 100, Consellería do Medio Rural. 2004. http://mediorural.xunta.es/fileadmin/arquivos/investigacion/estatisticas/2006/4.1.1.5.efectivos_tipoloxia.pdf

[12] Para unha visión máis demorada da situación desta provincia véxase MLPI.

[13] http://www.ige.eu/ga/estructura/documentos/folletos/datos_estatisticos_basicos_Galicia_2007.pdf [23.10.2007].

[14] A mesma fonte na súa páx. 95 xa salienta algunha disparidade entre estes datos achegados pola Enquisa de Efectivos de Gando Bovino da Consellería do Medio Rural e os que veremos na táboa seguinte procedentes da Campaña de Saneamento Gandeiro.

Pero este sector está en profunda transformación. O cambio máis importante é a concentración: se en 1993 había unhas 101.890 explotacións, no 2004 reducíronse a 58.396 e no 2006 a 47.163, menos da metade. Se daquela o número medio de vacas [15] por explotación era 6,3, no 2006 case se duplicou (11,9). Pero a media sempre é un pouco enganosa: no ano 2004 os datos oficiais detectan que o 62,85% das explotacións aínda teñen menos de 10 vacas (cunha media de 3,5 vacas) mentres que só o 2,19% das explotacións superan o número de 50 vacas. Os seguintes cadros reflicten a distribución das explotacións segundo a súa dimensión e maila aceleración da caída do número de explotacións nos últimos anos á vez que aumenta o número de cabezas que acollen.

	Dimensión da explotación segundo o número de vacas en 2004								
	1-9	10-19	20-49	50-99	100-199	200-299	300-499	>499	Total
Nº explotacións	36.706	11.183	9.225	1.128	141	10	3	-	58.396
Nº de vacas	129.080	154.718	268.645	71.031	17.832	2.470	1.078	-	644.764
Vacas/explotación	3,5	13,9	29,1	63,0	126,5	247,0	359,3	-	11,0

▸ Fonte: *Anuario de Estatística Agraria 2004.* 4. Subsector gandeiro, 96, Consellería do Medio Rural. 2004.

Como se ve ningunha explotación galega chega ás 500 vacas, só 3 superan as 300 e só 10 máis teñen entre 200 e 300. Comparado ó que hai noutros países, Galicia non destaca polas grandes explotacións pero o cambio está iniciado, porque o 41% das vacas está en explotacións que teñen entre 20 e 50.

Evolución da estrutura do sector bovino en once anos											
		1996	1997	1998	1999	2000	2001	2003	2004	2005	2006
A Coruña	Nº de explotacións	36.153	34.420	32.545	30.406	28.431	24.851	24.687	22.936	20.079	18.637
	Nº de vacas	284.364	286.306	282.907	283.550	286.680	307.140	288.008	245.931	221.898	212.438
	Vacas por explotación	7,9	8,3	8,7	9,3	10,1	12,4	11,7	10,7	11,1	11,4
Lugo	Nº de explotacións	29.732	28.413	27.410	25.807	24.665	20.897	21.939	21.168	19.243	18.183
	Nº de vacas	341.978	338.447	327.942	290.680	295.581	339.416	347.384	302.111	274.397	266.527
	Vacas por explotación	11,5	11,9	12,0	11,3	12,0	16,2	15,8	14,3	14,3	14,7
Ourense	Nº de explotacións	10.429	8.963	8.497	7.017	6.431	5.492	5.125	4.323	3.437	3.073
	Nº de vacas	47.836	42.931	40.330	36.236	35.855	30.833	31.943	28.465	24.658	23.789
	Vacas por explotación	4,6	4,8	4,7	5,2	5,6	5,6	6,2	6,6	7,2	7,7
Pontevedra	Nº de explotacións	18.941	17.117	16.341	14.430	13.909	12.171	11.776	9.969	8.030	7.270
	Nº de vacas	82.507	80.815	83.993	83.333	81.198	77.125	83.358	68.257	62.997	59.469
	Vacas por explotación	4,4	4,7	5,1	5,8	5,8	6,3	7,1	6,8	7,8	8,2
GALICIA	Nº de explotacións	95.255	88.913	84.793	77.660	73.436	63.411	63.527	58.396	50.789	47.163
	Nº de vacas	756.685	748.499	735.172	693.799	699.314	754.514	750.693	644.764	583.950	562.223
	Vacas por explotación	7,9	8,4	8,7	8,9	9,5	11,9	11,8	11,0	11,5	11,9

▸ Fonte: *Anuario de Estatística Agraria 2004.* 4. Subsector gandeiro, 99, Consellería do Medio Rural. 2004.
http://mediorural.xunta.es/fileadmin/arquivos/investigacion/estatisticas/2006/4.1.1.4_estrutura_s_hist.pdf

Case 12 vacas por explotación era a media galega no ano 2006. O perfil da actual gandería galega complétase con estes datos: o 97,8% das explotacións tiña menos de 50 vacas; e o 62% das explotacións, menos de 10 vacas. Outro dato relevante: o 2% das explotacións (as que teñen máis de 50 vacas) teñen o 41,7% das vacas de leite.

[15] Debemos ter presente que non é o mesmo falar de número de vacas que de número de bovinos. Cando nas estatísticas se fala de vacas, fálase de femias que xa pariron, non de femias que se destinan a recría pero que aínda non pariron nin tampouco dos machos.

Como se ve, a atomización tradicional resístese a desaparecer [16]. Aínda que en moitas aldeas galegas xa non queda vaca ningunha, aínda que moitas cortes se converteron en comedores ou salas de estar e os cubertos onde se gardaba o carro, o arado e a grade xa están transformados en garaxes para o coche, o volume medio das explotacións gandeiras galegas aínda non lles dá carácter de intensivas ou "industriais".

Pero a dirección do cambio é clara e parece inexorable: a gandería, que en 1993 daba traballo a 101.000 familias, e en 1996 a 95.000, no 2044 só entretén xa unhas 58.000 familias. Estase esbarroncando aquel sistema gandeiro que facía chegar un modesto rendemento a unha inmensa maioría de familias, coma os regos que distribuían a pouca auga por un innumerable tecido de parcelas.

A desaparición da gandería de resistencia, coa súa rede de feiras para xestión dos excedentes, é un cambio radical do sistema e ten raíz macroeconómica. Pero non todo é feliz neste cambio porque, cando un gandeiro se ve forzado a pechar para sempre o arquivo dos seus saberes profesionais, a arrumar ou queima-los seus apeiros e a ir vivi-los seus últimos anos nun piso da vivenda urbana dun fillo, non todo se reduce a pequenas consecuencias microeconómicas: hai tamén un conxunto de efectos colaterais sanitarios, ambientais, urbanísticos e culturais que, unidos a moitos outros semellantes, acaban constituíndo un feito macroeconómico. E de feito os Gobernos vense forzados a realizaren gastos moi importantes que antes non eran necesarios (loita contra os incendios forestais, subvencións ó abandono da actividade gandeira etc.). Non é este o lugar de facer unha valoración socioeconómica dos custos pero si de constata-lo feito e, quizais, de expresa-la sospeita de que ningún outro sector económico soportaría con tanta paciencia unha reconversión tan brutal. Pénsese que o sector gandeiro é posiblemente a terceira empresa de Galicia en facturación.

Non todo é negativo. Hoxe a idade media dos titulares das explotacións é tamén algo diferente: os que teñen entre 16 e 44 anos pasan do 21,9% (1993) ó 27,0% (2000) (IGE). Isto implica unha profesionalización da actividade que permite producir máis, con mellor calidade, a menor custo, podendo así competir nun mercado globalizado.

Pero, a pesar da radical reconversión, no 2010 unha grave crise ameaza incluso estes valentes e innovadores gandeiros galegos [17].

> *O leite é a base da economía rural galega. Condiciona os modos de vida de meoutas persoas e tamén as paisaxes dunha gran parte do noso territorio. En torno del articúlase un sector servizos e de transformación que dá emprego a un importante número de activos. E, ademais, é unha das nosas referencias produtivas, formando mesmo parte do noso imaxinario como sociedade.* [18]

Todos estes datos, sumarios pero complexos, chegan aínda así para afirma-la importancia do gando bovino na economía de Galicia. A xente, sen tantas estatísticas, xa dicía o mesmo, pero ó seu xeito, cun conto popular, o do cocho e maila vaca, que veremos no remate desta epígrafe e no que os dous runfan de que deles o home aproveita todo pero que, mentres do porco se aproveita ende matándoo, da vaca aprovéitase todo despois de morta e xa en vida.

9.1.5. O gando

Recuperando a estrutura deste libro, imos ver léxico, fraseoloxía e tradición oral relacionada con este tema.

9901 **anada** *s.f.* Gando, facenda. O significado natural desta palabra é o de "colleita de cereais e outros froitos vexetais". Por extensión algunha vez aplícase ó nacemento de crías de animais que adoitan ter partos múltiplos (coellas, porcas, ovellas etc.) aínda que as de pitos se chaman *roladas* e as de coellas e cadelas se denominan *camadas*. TCha, con todo iso, di que *anada* ten un significado secundario e ocasional de "facenda, gando": non nos queda claro se se refire ó gando bovino ou ó gando miúdo, porque é sabido que as ovellas tenden a parir todas na mesma época, co que si se xustifica o chamarlle *anada* a esa procreación, cousa que

[16] Esta característica xa preocupaba hai cen anos, como se ve dos estudos que daquela xa buscaban a maneira de racionaliza-la gandería en ámbitos de pequena propiedade (VV).

[17] A prensa do 18.11.2009 falaba de que tanto o sector lácteo coma o cárnico *están tocando fondo*; de que das 300 granxas de coellos que había no 2004 subsisten unhas 100; e de que a usura do proceso comercial chega por veces a incrementar nun 800% o prezo que lle paga ó produtor, sendo un 300% a media; e de que só resisten un pouco o sector do viño e en menor medida as granxas de polos (http://www.lavozdegalicia.es/dinero/2009/11/18/00031258541986577704251.htm [19/11/20090]).

[18] Román Rodríguez González: "Unha aposta polo país do millón de vacas", en *La Voz de Galicia* 29.04.2009.

non se dá nas vacas, que paren en calquera época do ano. (TCha).

9902 **animales** *s.m. pl.* Gando, facenda. Ver VACAS /9930. (Guil2).

9903 **armenteira** *s.f.* Gando maior que forma rabaño. (ERG).

9903b **armentío 2** *s.m.* Cabeza de gando vacún. *El Gallego llama a una Cabeza de Ganado Bacuno: un Armentio* (FMS4:6866). (FMS4).

9904 **armento** *s.m.* Gando maior. (CP, LG).

9905 **arrabaño** *s.m.* Ver RABAÑO /9966. (Pantón, Sob.).

9906 **avenzar** *s.m.* Ver HABENZA /9921. *Falando dos anellos ou anoxos, as crías de un ou dous anos, no tempo en que o avenzar ou benza (o gando) non pernocta á escáncara ou ventimperio na ameixoada, estercadura ou pacedeiro de vixilia....* (LG).

9907 **benza** *s.f.* Ver HABENZA /9921. Llópiz dános esta voz no comentario ó refrán *As cabras fan fato, vara os bois e as ovellas rebaño*. Tamén nestoutro refrán: *Dúas ovellas non fan benza*. (ERG, LG, VLLM).

9908 **cortellada 2** *s.f.* Cantidade de gando que hai nunha corte. (Piquín).

9909 **emprega** *s.f.* Cabeza de gando vacún. Pintos dáo como *vaca*. (ERG, JMP, VGD).

9910 **emprego 1** *s.m.* Cabeza de gando vacún. *Cando eu era rapás -fai d'esto moitisimos anos-, non había mais que catro casas nesta ridente terra de Sergude. Os montes viciños, mais aló de Paleo e de Balbís, estaban inzados de lobos. De noite, pol-o inverno, baixaban á facer estragos nas leiras, e algunhas veces levaban unha vida. Ninguén se arriscaba a saír ao quinteiro. Non había año nin emprego que estiveran seguros de tornaren â corte* (ASI1). (ASI1, Com1).

9911 **emprego 2** *s.m.* Conxunto do gando propiedade dun gandeiro. *Da importancia desta res na vida socioeconómica do campesiño galego temos probas máis que sobradas [...] pero a mellor proba vén da man da linguaxe: o nome que os gandeiros lles dan ás vacadas ou vaquerías, ou sexa, ó conxunto do seu propio gando, é o* [de] *'emprego' (¡máis claro non se pode ser!)*. (LG:15.03.1998).

9912 **facenda** *s.f.* Conxunto dos animais dunha casa, aínda que máis propiamente é o gando vacún. Otero Pedrayo escribe *fazenda*: *O gando todo marelo, de boa caste inda que pouco atendido, está moi espallado entr'os veciños sin qu'haxa casas fortes de peisanos con moita fazenda* (ROP1:53). En Melide: *Cando dín 'gado' ou 'facenda', enténdese eiquí todo en xeral, e mais propiamente, o vacuno. As ovellas e cabras son o 'gado miudo' ou 'facenda miuda'. Os porcos non son propiamente gando, senón coma se fora cousa aparte* (Mel2:373). C. García, logo de recoñecer para *facenda* as acepcións de Administración pública, de bens ou riquezas dunha persoa e de leira agrícola, recolle diversos exemplos do uso deste termo para referirse ó conxunto do gando dunha casa, en xeral: *a facenda nos montes vai pastando* (de X.M. Pintos); *tiña quen lle gobernara as facendas* (Otero Pedrayo); *coidaba a facenda i a horta* (Cunqueiro) (CGG2: *A facenda*, 632). Igualmente, Xaquín Lorenzo, cando describe o xugo de molida, explica que se ata *por meio dunhas correas, cornás, ós cornos da facenda* (XLF:731). Mentres que Ben Cho Shey (para nós, Morei.) o aplica ó gando vacún (px. 205), Rielo Carballo (TCha) especifica que se trata *xeralmente do gando miúdo*. Tamén Constantino García sinala que a palabra facenda, na maior parte de Lugo, ten só a significación de gando lanar ou cabrío (CGG2: *A facenda*, 632). Eladio Rodríguez defíneo como gando doméstico de toda especie, aínda que admite que nalgunhas comarcas se exceptúan cabalos e bestas. As localizacións tomadas do *Glosario de voces galegas de hoxe* aluden ó conxunto de animais dunha casa, e só Burón, Suarna e Ped. refírense con esta voz só ó gando miúdo. Finalmente, na Gudiña explícannos que "La palabra *facenda* sirve para denominar el conjunto de animales de propriedad [sic] determinada, domesticados o no, pues interrogados los vecinos de estos pueblos si las abejas pueden ser consideradas como *facenda*, algunos han dudado antes de afirmarlo, pero la mayoría ha contestado afirmativamente desde el primer momento. La palabra *gado* se aplica únicamente al ganado vacuno" (Gud7:50). Tamén no Courel denominan *facenda* o conxunto do gando, sen distincións: *Era a casa máis forte que había en tres legoas á redonda. Collíanse máis de cinco centos ferrados de centeo. En canto a facenda, mantiña dúas parexas de bois e doce vacas e xatos. Hai que engadir vinte ou trinta porcos co seu castizo, e cabalos, bestas e machos. A avenza contaba máis de dúas centas cabezas* (Cou3:15). *¡Se aínda fora pola facenda! ¿Qué fai un labrego sen facenda? Dispensando, é coma un home sen as súas parte* [sic] (Cou3:73). *A fame n-os ôsos / morrendo á facenda, / as arcas vacías, / as bulsas valeiras, / esperan ... o cobro / de foros e rendas ...* (MNG:363). (Común; Antas3, Cal., Carbal., Com1, Cou3, Couso, CP, CReis2, Cur., Dozón, Enxames, ERG, Gud., Gud7, Gui., Incio, JMP, Laiosa,

Lañas, Laxosa, Lobe., Mel2, Mez., Mira., MNG, Mon., Morei., Nove., Pantón, Penela, Piñei2, PSil, Rendal, ROP1, Rus, Sabu2, Samos3, Santi., Sob., TCha, Toba, Ver1, Vil., Vrei., Xeve, XLF, Xun., Xun1).

9913 **fasenda** *s.f.* Ver FACENDA /9912. (Cam4, Negr2, Ribe2).

9914 **folgo** *s.m. Ú. t. en pl.* Conxunto de vacas e becerros pertencentes a unha casa. O noso informante en Vtose. recólleo en plural. (CP, Toba, Vtose).

9915 **gado** *s.m.* Ver GANDO /9918. (Abadín, Ben., Burela1, Busta., Caa., Cab., Cal., Carr-G, Ced., Cere., Corre., Cou3, Cur., ERG, Feás-A, Fre., Goián, Gud., Gud7, Gui., Incio, Laiosa, Lamas, Mel1, Mon., Mondo1, Mondo2, Mra., Oirán, Pravio, PSeca, Rábade, Sob., Vala., Velle1, Ver1, Veste., Vil., Vixoán., Xudán1, Xun.).

9916 **gandada** *s.f.* Gando. *Cando íamos ca gandada pró monte*. (Corz).

9917 **gandeiría** *s.f.* Cría de gando. Por extensión, tamén trato no gando e mesmo conxunto de gando. (ERG).

9918 **gando** *s.m.* Conxunto de animais vacúns dunha casa. Por veces chaman tamén *gando* ás ovellas e cabras que pacen fóra, pero neste caso é máis comun adxectivalo como *gando miúdo*. Así en Velle *O grupo mais importante da fauna doméstica costitúeno as reses vacunas que eiquí, como no resto de Galicia, son as que de maneira particular reciben o nome de gado ou gando* (Velle1:134). Tamén Fole utiliza as formas *gando* e *gado* indistintamente: *O gando é principalmente, o gando vacuno, que tamén se lle chama 'a facenda'* (Cou3:20); *Entón adicábame a mercar e vender gado. Ganaba hastra vinte pesos por semá tratando nos bois* (Cou3:27). (Amandi, Baltar, Barre., Bolo, Caban., Carbal., Carño2, Com1, Cou3, Cur., Dum., ERG, Laxe, Marín, Meira2, Melias, Nove., Oirós, Parga, Penela, Peno., Piñei2, Piñor, Porto, PSeca, Ram., Razo, SComba, Sob., Toba, Velle1, Ver1, VFrore. ILG (C:25)).

9919 **ghado** *s.m.* Ver GANDO /9918. (Anca, Beman., Borre., Caa., Cadrón, Cervá1, Cervá2, Codeso., Corre., CTui, Enxames, Gui., Lago, Morga., Mosen., Neda, Negra., Noal, Pedro., Randu., Rendal, Ribó, Santi., Tabor., Valad1, Valad2, Vi-Val., Vmaior).

9920 **ghando** *s.m.* Ver GANDO /9918. (Gro1, Maía, Salv3. ILG: 85 (PO:45, OU:1, C:39)).

9921 **habenza** *s.f.* Facenda, conxunto de animais domésticos dunha persoa ou dunha comunidade veciñal. Esta voz ten dous problemas: grafía e contido. Canto á grafía e seguindo o VOLGa, escribimos *habenza*, porque este entende que esta palabra deriva de *haber* e, dende logo, non faltan testemuños que avalen esta grafía dende o séc. XIX pero hai que anotar que ERG e Cou3 escriben *avenza* e ROP1 escribe *abenza*. O segundo problema é o do seu significado e, polo tanto, a razón da súa presenza nesta monografía do gando vacún. Xa no tránsito do XVIII ó XIX o P. Sobreira recolle en terras do Deza esta voz *avenza* como "El rebaño de cualquier ganado, que alguna persona, o lugar, o vecindario tiene". Definición que repiten o DRAG de 1928 e mais Eladio Rodríguez: "Rebaño de cualquier clase de ganado que pertenece a una persona o a varias de un lugar". Ó gando ovino refíreno os dicionarios seguintes: Rodríguez (1863), Cuveiro (1876), Valladares (1884), Filgueira (1926), Carré. O DRAG de 1928 na 6ª acepción dálle o valor de "El ganado lanar y cabrío" e Eladio Rodríguez recolle as mesmas definicións na súa acepción 4ª. *A habenza é voz normal na provincia de Lugo para nomea-lo gando miúdo, é dicir, cabras ou ovellas* (CGG2: *Entráballe febre postema á habenza*, 627). Tamén Otero Pedrayo e Fole utilízano para refirirse ó gando ovino: *Fai algús anos recastouse grande parte da abenza con carneiros de raza 'churra' vidos da terra de Burgos* (ROP1:53). *Era a casa máis forte que había en tres legoas á redonda. Collíanse máis de cinco centos ferrados de centeo. En canto a facenda, mantiña dúas parexas de bois e doce vacas e xatos. Hai que engadir vinte ou trinta porcos co seu castizo, e cabalos, bestas e machos. A avenza contaba máis de dúas centas cabezas* (Cou3:15). *Aínda que hai tanta ovella, non se fai eiquí queixo de 'avenza'. Tampouco hai moitos queixos de leite de vaca, e os poucos que se ven son ruís. Eu coido que non os saben faguer, pois a leite non pode ser millor* (Cou3:20). (ERG, Fri.).

9922 **haber 1** *s.m.* Gando, facenda. A nosa fonte (Vala.) escribe *aver*. ERGa refire esta voz, que recolle en Lugo, ó gando lanar. (Vala.).

9923 **haber 2** *s.m.* Unha res, unha cabeza. (Vala.).

9924 **maghada** *s.f.* Gando, facenda. (Rama.).

9925 **pego 1** *s.m.* Cabeza de gando. (VGD).

9926 **prega** *s.f.* Supoñemos que será aférese de *emprega*: gando, cabeza de gando. (CP, VGD).

9927 **res 1** *s.f.* Cabeza de gando. En sentido colectivo refírese normalmente a un rabaño de ovellas. *Na Limia 'res' é cada cabeza de gado, vaca ou boi. O nome de 'veceira' veulle de ir coelas por veces, á rolda* (Lim6:662). En Gud7 aplícano exclusivamente ó gando miúdo: "Con la palabra *res* se denomina a las cabras y ovejas, indistintamente". Na mesma Gudiña: *A cabana de gado vacuno ten baixado en xeral, mentres que parece aumentar a res* (Friei.:195). Tamén en Hermisende son cousa distinta a *res* e as vacas: *A herba había que pisala co fin de que collera máis, esta laboura era feita polas*

persoas e incluso metíaselle a res ou as vacas, que calcaban mellor cás persoas (Hermi.). (Com1, CP, ERG, Lim6, Mez., Porto, Queixa).

9928 **rizó** *s.m.* Bovino. Aplícase tanto a becerros, como vacas, como bois. (Ctel1).

9929 **semovente** *s. e adx. Ú. m. en pl.* Res. En pl. designa o conxunto de bens consistente en gando de calquera especie. ERG lematízao en pl. (ERG).

9930 **vacas** *s.f.pl.* Gando, facenda. Que a femia adulta designe o conxunto do gando vacún (macho e femia, novo e adulto) é un caso de metonimia común a moitos lugares de Galicia, ademais dos que se citan, e plenamente sinónimo de *gando*. (Boi., Medín, Morai., Sende.).

9931 **viceira 2** *s.f.* Res dunha habenza ou rabaño. ERG escribe *avenza*. (ERG).

9932 **vida** *s.f. fig.* Gando vacún. Debe ser unha denominación figurada pola importancia do gando para o sostén da vida do gandeiro. *O gando é, principalmente, o gando vacuno, que tamén se lle chama a 'facenda', como en algures chámase a 'vida'* (Cou3:20). (Cou3, CP).

9933 ***asmoviente** *s. e adx.* Variante vulgar e acastrapada de *semovente*. Ver SEMOVENTE /9929. *E ti, Chafallas, queres mercar co ausilio da moeda da túa pertenéncea leghal, o asmoviente diste... Ti, Aruxo, es dono por liña direuta dun animal asmoviente que val tanto ou coanto*. (PL8:58).

9934 ***ganadeiría** *s.f.* Ver GANDEIRÍA /9917. (ERG).

9935 ***ganado** *s.m.* Ver GANDO /9918. (Alence, Arroxo, Burgo, Chan., Consta., Cubi2, Damil, Dis., Negral, Pantón, Piñe., SComba, Sete-L, VGR).

9936 ***ganao** *s.m.* Ver GANDO /9918. (Dis., Rib-S, Sete-L, Val-LE, Vill-O).

9937 ***ghanado** *s.m.* Ver GANDO /9918. (Aranga, Frei., Lampón, Razo).

9938 **gando groso** *s.comp.m.* Ver GANDO MAIOR /9939. (DRAG2).

9939 **gando maior** *s.comp.m.* As reses maiores, coma bois, vacas, mulas, eguas, en contraposición co gando menor: ovellas, cabuxas, etc. (ERG).

9940 **gando miúdo** *s.comp.m.* As crías do gando, mentres maman. Normalmente, adoita referirse só a ovellas e cabras. (ERG).

9941 **armental** *adx.* Referente ó gando. (CP).

9942 **armenteiro** *adx.* Referente ó gando maior, maiormente se forma rabaño. (ERG).

9943 **boente** *adx.* Boial, referente ós bois. (ERG).

9944 **caseño** *adx.* [Animal] que vive na casa, ou en cortes separadas da casa, e presta algún servizo. (ERG).

9945 **chocalleiro** *adx. Ú. t. c. s.* [Res] que leva o chocallo. (ERG).

9946 **pecuario** *adx.* Relativo ó gando. (ERG).

9947 **de fesa** *loc. adx.* [Gando] que anda en terreo vedado. ¿El será *defesa*, de onde vén o galego *devesa*? A nosa fonte recolle o castelanismo *ganado de fesa*. (VGR).

Cal é o pasto, tal é o fato. (VLLM:2,95)
Gana un bo gando pra un bo gastador. (UCA2:37; ERG:gando) [19]

O prado de Guimeráns
de cote herbiña está dando;
por eso alí o caseiro
ten moito e lucido gando. [20]

O cocho maila vaca [21]

Era un home que foi quedando solo. Era viudo, non tiña sucesión, e cuando se veu un pouquiño achicado díxolles [a uns sobriños] se querían vir pra xunto del, que lles había deixa-lo que tiña. E parce que aínda tiña unha fortuna bastante regular. Entonces os sobriños accederon á proposición; viñeron, pero expuñéronlle razóns. Dixéronlle:

- Bueno, sempre que contemos conque nos ha de mirar e tratarnos ben, e deixarnos o que ten.

E dixo [o tío]:

- Bueno, home; si, vosoutros ide pa aló. Xa falaremos deso.

Viñeron pero de alí a pouco tempo el non falaba nada; entonces recordáronlle o caso:

19 UCA2: *para un bô gastador*.

20 DBP:489, MVN:651. No texto: *de cot'herbiña* (DBP); *de còt'herbiña, ali* (MVN).

21 Abadín4:93. Recollido de Vicente Pardo (70 anos), en Aldixe (Abadín), o 2 de novembro de 1992.

- Bueno, eso de...; usted hanos logo deixar o que ten. Nosoutros hemos de tratar de cuidalo o mellor posible, e de obedecerlle e tal.

Dixo [o tío]:

- Si, así que morra héivolo deixar.

Pero eles así non estaban moi conformes. Eles parce que querían que lles asegurase algo, cando menos a existencia deles alí, ou cuando menos que lles deixase, cuando menos, vaia, por venta o que tiña. E el a eso no, non se poñía de acuerdo. Entonces seguiron así unha temporadiña e tal, volvéronlle a recorda-lo caso de segunda vez de alí a unha temporada e dixéronlle:

- Mire, tío, é mellor que nos faiga algo, ou que nos día algo, porque ben ve que nosoutros temos que soportarnos a nuestra cuenta, e siempre temos gastos e tal, así que usted debe ou darnos algo, ou facernos algo, ou... Se non nos fai venta do que ten pois díanos algo, ou...

E dixo [o tío]:

- Andade, home, andade, xa vos quedará, xa vos quedará aí. O que non me faga falta a min, xa vos quedará aí así que morra eu.

Eso de "así que morra eu" díxollelo repetidas veces. Pero eles cansaron, viron que o home non tomaba outra decisión e cansaron de esperar. E un día agarraron e decidiron marchar, e marcharon.

E tiña unha vaca e mais un cocho. E o día que marcharon veunos marchar alí un veciño, entonces xa se deu cuenta que non o aturaban, que non o poderían aguantar. E entonces, o veciño, cuando el saleu a fóra, alí ó curral, díxolle:

- Oi, fulano, ¿que? ¿E marcháronche os sobriños?

- Si. Si... aínda volven.

- Pero, home... E eles contaban con seguir, contaban con cuidarte e contaban con estar contigo asta que morreses e tal.

- Si, home, si, contaban, pero tamén contaban con que lles había deixa-lo que tiña xa antes de morrere, e eso non, eso non o vía eu moi correcto; xa lles dixen. Eles querían que lles fixese venta; eso, así que morra eu, aí vos quedará o que non me faga falta a min, pero mentras tanto, non.

- E entón, vaiche boa, así que deixalos ir. Bueno, home, bueno. Algo tamén lles tiñas que dar xa pra que eles foran indo e pra que se foran animando. Tíñaslles que dar algo, eu non digo que lles fixeses venta pero...

Dixo:

- Ai, non, non, eu astra que morra non lles deixaba nada; xa llelo dixen.

- Bueno, home, bueno.

Pasou. Retiráronse e cada un atendeu a súa vida.

Enseguida tiña una vaca alí nunha cuadra e a vaca ben oíu a conversación, daquela disque falaban os animales. A vaca ben oíu a conversación, o cocho atendía a durmir, non se enterou. O cocho e a vaca estaban cerca un do outro.

Entonces colleu a vaca, foina alindar. Sacouna a pacer, tróugoa pra cuadra, tiroulle unha presa de herba, así que lle tirou a presa de herba levoulle un caldeiro con auga e fariña, deulle unha..., a vaca daríalle algo de leite e trataba de cuidala ben. E o cocho daquela estaba desperto, entonces, así que comeu a vaca aquelo e cando o amo veu que non oía, díxolle o cocho á vaca:

- Coño, que ben te trata a ti meu amo; e non me podía tratar a min así. A ti sácate a paseo aí por fóra, a ti dáche a herba que queres, seca e verde, a ti dáche unha caldada con fariña. A min tenme sempre aquí encerrado, a min tírame unha pouca auga e unhas poucas verzas, fariña nin vela. - E dixo - *¡Vaia diferencia! ¡Eu non sei porque nos trata tan diferentes!*

E díxolle a vaca:

- Ai, mira, eu vouche contar. Eu tamén che lle dou o leite polo desaiúno, aínda fai algún queixo á miña conta e vende algo de leite, e tu non lle dás nada.

E dixo [o cocho]:

- Pero, mullere, eu tamén dou. A min así que me matan eu tamén dou xamós, fan os chorizos de min, os lacós e moitas máis cousas, e todas esas cousas, polo visto, saben moi ben.

E dixo [a vaca]:

- *Si, home, si, pero tu todo eso dalo desde que morres e eu xa o dou de viva, e máis despois, de morta.*

Eso; despois tamén o aproveitaban.

9.1.6. O rabaño de gando

Aínda que o habitual en Galicia era un pastor alindando unha vaca ou dúas, nalgúns lugares de Galicia houbo rabaños dende sempre. Un rabaño é un conxunto de animais dunha mesma especie (característica gregaria que lle vén dos seus ancestros salvaxes) que recibe distintos nomes segundo o sexo dos animais que o compoñen, o tamaño e a propiedade (privada ou comunal). Pero moi característico de Galicia é o feito de que co gando vacún pacen greas de ovellas, como nunha produción complementaria que non esixe ningunha atención especial, porque estas aproveitan o que as vacas desprezan ou non alcanzan, e porque mesmo se observa que as ovellas reparan os buratos que as vacas fan nos lameiros coas súas pesadas patas.

9948 **adúa** *s.f.* Rabaño de gando maior que pertence a toda a aldea e que se leva a pacer a terreo comunal. (ERG).

9949 **armentío 1** *s.m.* Rabaño de gando vacún. *Na Pampa, si o vento sopla de popa, pódese chegar de pegoreiro a dono de moitas légoas de terra, de moitos rebaños e armentíos, como chegaron outros larcháns* (CAS1: *Os dous de sempre*, 383). Rivas Quintas (ERQ2) recolle esta voz tamén no Bierzo e, na Idade Media, preto de Ferrol: *dous armentíos*. (CAS1, CP, ERG, ERQ2, LG, VLLM).

9950 **boiada** *s.f.* Conxunto ou número grande de bois. (DRAG, ERG).

9951 **copia** *s.f.* Rabaño de gando. (LG).

9952 **culimaia** *s.f.* Fato de animais. (Piquín).

9953 **facendiña** *s.f.* Rabaño pequeno de gando. Tamén, rabaño de gando menor. (JMP).

9954 **fatao** *s.m.* Ver FATO /9956. (Ancares2).

9955 **fataxo** *s.m.* Manada, conxunto, fato de animais. (Sille).

9956 **fato** *s.m.* Rabaño de gando maior ou menor. (ERG, Parade., VLLM).

9957 **grea** *s.f.* Rabaño de calquera clase de gando. En Compostela é unha "manada de perros" (Com1). (ERG).

9958 **magote** *s.m.* Rabaño. (Mez).

9959 **mallada 2** *s.f.* Rabaño de gando vacún e mailo espazo que ocupa no campo. *Mallada*: "s.f.colectivo. Vacada, cabaña de ganadería, y el espacio que ocupa en el campo. Fue palabra muy usada mientras existió tal realidad en los siglos XVI, XVII, XVIII, y antes, por ej. alrededor de la Serra de San Mamede, Our., en relación con los monasterios de Xunqueira de Ambía y Montederramo. Se habla de *tres, catro, seis malladas de gado*". (ERQ2).

9960 **manada** *s.f.* Conxunto de animais. No caso do gando, conxunto ou fato de animais ó coidado dun pastor. (Com1, CP, Dum., ERG, Esc., Goián, Gun., Laxe, Oirós, Ped1, Ram., Sete-L, Toba, XER).

9961 **mancoalla** *s.f.* Rabaño de calquera clase de gando que pertence a unha persoa ou a varias dun lugar. (ERG).

9962 **mañía** *s.f. Ú. m. en pl.* Veceira ou rabaño de gando vacún. (VGR).

9963 **peada** *s.f.* Fato ou rabaño de gando. *Cando se leva a pacer a 'peada' ou 'copia' de gando -a vacada- nos días soltos, ou laborais, condúcense ata as mantenzas é dicir, ata os propios prados do gandeiro* (LG:15.03.1998). VGR di: "Llevó a la feria una buena peada de ganado", e especifica que a *vacada* é de bois e vacas; a *carnerada*, de carneiros e ovellas; e a *castronada*, de castróns e cabras. (LG, VGR).

9964 **piada** *s.f.* Rabaño de vacas. (Burón, Suarna, XER).

9965 **rabañada** *s.f.* Ver RABAÑO /9966. Carré e Gud7 especifican que se trata dunha cantidade elevada de gando. *Cuando una persona posee gran número de vacas, de cerdos, etc. se dice que posee una rabañada de vacas, de cerdos, etc*. (Gud7). *Contou [un petrucio destas montañas] que tiña non sei cantas cabezas de gado e delas saía todo o que estaba a facer polo fillo, e darlle carreira. Tiña unha rabañada de gado* (Friei.:198). (Com1, Friei., Gud7, LCA2, XER).

9966 **rabaño** *s.m.* Conxunto de animais que ordinariamente se levan a pacer xuntos. En Gud7 diferencian así entre rabaño e fato: un *rabaño* comprende un número elevado de *rixelos* (ovellas ou cabras); un *fato* é un rabaño pequeno. (Ancares2, Burón, Caa., Cod., Com1, Gro1, Gud7, Gun., Meira2, Mra., Nove., Oirós, Ver1).

9967 **rebaño** *s.m.* Ver RABAÑO /9966. (Cab., Com1, Goián, Noalla, Per., Sob., Vala., Xun.).

9968 **rexibao** *s.m.* Fato grande de xente ou de animais. (TCha).

9969 **robaño** *s.m.* Ver RABAÑO /9966. (Ancares2).

9970 **tourada 1** *s.f.* Manada de touros. (ERG).

9971 **vacada** *s.f.* Rabaño de bois ou de vacas. Lim6 especifica que se trata do rabaño comunal. *O*

señor Xosé de Sobradelo [...] *fala de cando il foi pegureiro da vacada na que entraba o gado de tres pobos: Busteliño, Bovadela e Vilariño da Veiga. Saía pola mañá á Veiga da Antela e tocaba o corno; a xente leváballe o gado á entrada da veiga e il tiña conta dil todo o día* (Lim6:660). (Ancares2, Car2, ERG, Fol-LE, Hermi., LG, Lim6, VGR, VLLM).

9972 **vacume** *s.m.* Gando vacún. *Anda arrimado ós vacumes*. A. Otero sinala xén. feminino pero o exemplo é masculino. Rivas Quintas recólleo no sureste de Ourense. (Corc., ERQ2).

9973 **vara 4** *s.f.* Llópiz defíneo como rabaño de gando vacún. Llópiz toma esta voz con este significado dun refrán que recolle de Saco Brey: *As cabras fan fato, vara os bois e as ovellas rebaño*, pero engade que *vara* debe ser erro por *piara* e estar *bois* por *porcos*. De feito, no DRAE defínese *vara* como "conjunto de cuarenta a cincuenta puercos de montanera, bajo el cuidado de un solo vareador de la bellota". FMS no XVIII recollía a denominación *bancada* co valor de manada de trinta a corenta cabezas de gando vacún. (VLLM).

9974 **veceira 2** *s.f.* Rabaño de gando comunal, propiedade dos veciños do lugar. Parece ser máis utilizada para referirse ó gando lanar: *A solidariedade e a cohesión entre a xente da aldea créase e manifféstase pola veceira que é o conxunto das ovellas da aldea. En Loureses non as hai, porque non hai montes en man común, pero as outras aldeas da parroquia teñen unha veceira*, ou ... *o veciño que non ten as súas ovellas na veceira é mal visto polos outros* (Loures.:97). Tamén queda recollido con este significado no refraneiro: *Por unha ovella non se perde a veceira* (XLF2:59), e o mesmo Xaquín Lorenzo defineo así noutro lugar: "Rebaño de ovejas formado por los animales de un lugar" (LimiaB). Cando Rivas Quintas fala da *veceira* menciona tanto vacas como ovellas, pero máis adiante especifica que se trata de ovellas: *Pero agora quérome fixar máis nas ovellas. Na Antela leva o nome de 'veceira' e na bara da Serra o de 'res'. É, mellor era, o conxunto de tódalas ovellas dun pobo, a veces tamén de chivas ou misturadas, que van ó monte pastar xuntas, gardadas en réxime comunitario* (Lim6:661). Nas Frieiras recólleno tamén aplicado a vacas e ovellas: *Hai sitios nos que os veciños levan a 'veceira' por 'veces', á rolda, xuntando o vacún do lugar e gardándoo por número de cabezas* (Friei.:195). VGR recollía no Bierzo a existencia da *vecera:* a *vecera del concejo* e maila *vecera particular*. (ERG, Friei., Gud5, Lim6).

9975 **viceira 1** *s.f.* Ver VECEIRA 2 /9974. Ibias 1 e Ancares2 dan *viceira* como rabaño de ovellas e cabras, de propiedade comunal e ó coidado dun pastor por quenda ou pagado. (LCA).

9976 ***vecera** *s.f.* Ver VECEIRA 2 /9974. (VGR).

9977 **manada de *ganado** *s.comp.f.* Ver MANADA /9960. (Callo.).

9978 **rebaño do gando** *s.comp.m.* Ver RABAÑO /9966. (Vala1).

9979 ***vecera particular** *s.comp.f.* Rabaño pertencente a un ou varios veciños que se encargan da súa garda. (VGR).

Armentío fai a feira, que non gaita, fole e castañetas. (VLLM:2,4) [22]
As cabras fan fato, vara os bois e as ovellas rebaño. (VLLM:2,81) [23]
Máis val un boi ca unha boiada. (MV88:11) [24]
Vale máis boi que boiada. (XLF2:68) [25]
Vale máis un boi que unha boiada. (XTC4; VS) [26]

Unha grea de vacas roxas,
mexa unha e mexan todas. [27]

Por que non cantas, Ilena,
ó son de esa barrela?
-Porque o meu pai era morto
io meu home anda na guerra.
Os panos que ela lavaba

[22] Llópiz recolleuno en Rodeiro.

[23] Llópiz recolle de Saco Brey (*Humorismo gall*., Orense 1901) este refrán que é unha pura definición léxica. Curiosamente só el nos testifica a palabra *vara* pero logo precisa que debe ser erro por *piara* e estar *bois* por *porcos*. O caso é que logo cita un refrán paralelo que di *O fato pr'as cabras, a bénza prá ovella e prós porcos a vara*; como ademais os dicionarios adoitan defini-la *vara* como *conxunto de 40 ou 50 porcos que un home pode coidar vareándolle-la landra*, dedúcese que o cambio de *vara* por *piara* é innecesario. Ademais non sempre *piara* é rabaño de porcos, xa que en castelán hai o refrán *No hay piara sin cabra coja*. *Benza* explícao Llópiz como fato de gando bovino.

[24] No texto: *Mais*.

[25] Contaba Ian Gibson na TV que o refrán *Más vale pájaro en mano que ciento volando*, en irlandés remata: *que catro voando*, e interpretaba que os irlandeses son menos hiperbólicos cós hispanos. Por aí, se cadra, vai o senso deste refrán.

[26] No texto: *mais, boyada* (XTC4); *qu'unha* (VS).

[27] As tellas. PM:263.141.

eran do Rei de Castela;
o xabón que ela usaba
era de cravo e canela;
o cestiño da colada
era de vime amarela.
Tendía a roupa no romeiro
e na chorida da xesta.
-Cuanto deras tu, Ilena,
a quen eiquí cho trouxera?
-De sete cabradas que tiña
escollera cual quixera.
Que mais deras tu, Ilena,
A quen eiquí cho trouxera?
-De sete eguadas que eu tiña
escollera cual quixera.
-Que mais darías tu, Ilena
a quen eiquí cho trouxera?
-De sete vacadas que teño
pastando en altas serras,
entre todas escollera,
escollera cual quixera.
-Eso é mui pouco, señora
pra quen eiquí llo trouxera.
-Das tres fillas que teño
escollera cual quixera.
-Esas tres fillas, Ilena,
tuas e miñas eran.
-Se tu eres o meu home
porque me das tantas penas?
-Porque quería saber
quen deixara nesta terra. [28]

9.1.7. O gando bravío

O gando que vive en liberdade nos nosos montes e serras manifesta hábitos que os gandeiros coñecen ben. Un deles (Ctel12) refírenos así algúns comportamentos que observou no gando que ten na serra do Suído.

A vaca brava tente que coñecer. Teste que ir achegando un pouco cada día. Deixarlle que un día che cheire unha man. Outro día tócaslle a testa. Outro día máis. E, pasados varios días, xa lle dás tocado o ubre.
Esconden a cría e non van onda ela para que ti non a descubras.
As crías van mamar sobre da mañán cedo ou ás cinco da tarde.
No sesteiro ó medio día póñense de cara ó vento.
Cheiran as augas que non coñecen antes de beber.
Estrañan moito, se as cambias de sitio e son capaces de pasar varios días sen beber (e mesmo sen comer).
As vacas do monte pódelas levar a 20 km de distancia e entre 24 ou 48 horas eles volven ó sitio solas.

Non todo o gando que nace e se cría no monte é bravo, no sentido de perigoso, pero algúns gandeiros con moita experiencia neste tipo de gando, afirman que unha vaca verdadeiramente brava pode ser máis perigosa ca un touro de lida, porque, se ataca, non se limita a dar unha cornada, senón que segue corneando ata que deixa por morto aquel a quen atacou; e eses mesmos gandeiros teñen moito tino de non se achegaren de calquera maneira ás súas propias vacas bravas.

9980 **aventadizos** *s.m.pl.* Gando montesío abandonado e sen dono coñecido. (ERG).

9981 **colleitíos** *s.m.pl.* Ver AVENTADIZOS /9980. (ERG).

9982 **tourón 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Vaca ceiba co pelo longo e áspero, que vive sempre no monte e que ordinariamente é menos dócil. (Gro2).

9983 **brava** *adx.* [Vaca] que nace, que se cría e vive ceiba no monte e que pode atacar a quen se lle achegue. *Andan ceibas e antes había máis vacas bravas*. (Ctel1).

9984 **mostrenco** *adx.* [Gado] criado en liberdade e que anda ceibe polo monte. Non nos parece *mostrenco* unha denominación galega, aínda que a use a prensa castelá de Galicia para se referir ó gando do monte, que vive ceibo no monte. Ademais *mostrenco* en castelán designa calquera realidade de dono descoñecido, mentres que todo o gando que nace e vive nos montes de Galicia ten sempre dono coñecido e está perfectamente controlado por el, que o visita a cotío. Outra cousa é que os donos aparezan cando este gando baixa do monte e produce algún estrago. (LG).

9985 **notorro 1** *adx.* [Animal] criado en liberdade, non domesticado. *O gado mostrenco, que deambula polas inhóspitas serras, é o notorro* (LG). (ERQ, LG, Quiro.).

[28] LP3:45. Recolle o romance en Carracedo, Covelo.

A regueifa é de trigo
e ela baixou pola Graña,
trague carrachos na testa
coma as vacas da montaña. [29]

9.1.8. Denominacións despectivas do gando

9986 **cazuallada** *s.f. desp.* Fato de persoas ou animais. (Piquín).

9987 **gafea** *s.f. desp.* Conxunto de animais ou xente. Sarmiento nas *1200 coplas gallegas* (347) escribe a seguinte: *Por fin e por postre/ seguía ao enterro/ muita gafualla,/ grandes e pequenos*. No *Catálogo de Voces Gallegas* (368) define *gafualla* como "Multitud de gente ruín y baja, v. g., dicen en gallego, viendo una tropa de pobres, míseros, andrajosos, etc., ¿que gente es? *É un fato de gafuálla*. Corresponde al castellano canalla, garulla, etc. Acaso *gafualla* vendrá de gafo, gafura, como hato de gafos o tiñosos". Este *gafualla* e probablemente a nosa palabra *gafea* teñen relación, como Sarmiento di, co substantivo *gafo* que é unha das palabras que designan os enfermos de lepra ou *gafeira*, maiormente en Pontevedra onde había un pequeno hospital para eles preto precisamente do río dos Gafos. (Xun2).

9988 **gandallada** *s.f.* Fato de xente desprezable, de reses cativeiras ou conxunto de cousas sen valor. (Piquín).

9.1.9. Duración óptima do gando

Resulta difícil definir cal pode se-la duración óptima do gando, decisión que non depende da simple lonxevidade dos animais. O gando vacún, como o resto do gando doméstico, críase e mantense por razóns de produtividade, polo que o tempo durante o cal se mantén na casa está en función do tempo en que a súa produción (traballo, crías, leite) compense os gastos de mantemento. Cando se trataba de gandería tradicional, non se tiña tanto en conta este balance costo-beneficio e as vacas mantíñanse na casa ata 20 ou 25 anos, case ata que morresen de seu. Actualmente, coa gandería industrial e intensiva que esixe as máximas prestacións posibles, as expectativas de vida reducíronse considerablemente e procédese á renovación do gando en canto empeza a baixa-la curva da rendibilidade (10-12 anos como máximo). En calquera caso, as vacas rubias, máis rústicas e menos esixentes, sempre foron máis lonxevas cás pintas.

No caso dos bois de posto sabemos que se recomendaba a substitución ós dous anos de actividade, para evitar que collesen resaibos. Manuel de Cacheiro (Ctel1), gandeiro de toda a vida, dinos que para el o ideal é te-lo boi na casa dous anos: un que se cría e outro que bota e logo xa o hai que ir cambiando por outro. Outro gandeiro contábanos que a partir dos cinco anos de idade, os bois *collen memoria* e fanse imposibles de domear.

Bois e criados, un para cada ano. (VLLM:1,139)
Criado e bois, un ano ou dous. (VLLM:1,139) [30]
Criados e bois, un ano ou dous. (XTC4) [31]
Criados e bois, un ou dous. (VLLM:1,139) [32]
Mozos e bois de un ano hastra dous. (VLLM:1,144) [33]
O boi e o criado, un ano. (VLLM:1,139) [34]

---

29 AS:17.

30 Llópiz recólleo de V. Risco e cita o port. *Criados e bois, cada ano dois*, do *Rifoneiro minhoto* (1945).

31 As esixencias da rima fano sospeitoso de ser portugués, como os dous paralelos de Llópiz.

32 Llópiz recólleo tamén de V. Risco.

33 Llópiz di que se refire ó que dura a vivacidade e a eficacia dun boi e dun criado.

34 Llópiz: *crida* (sic). Xa dixemos que o boi só se mantiña dous anos na casa. Semellante criterio aplícase tamén para o galo: *O criado e o galo solo sirven para un ano* (UCA2:49); *O criado y-o galo, soilo sirven pra un ano* (JASA2:389); *O criado e o galo soio serven pra un ano* (ZM:165); *Criado e galo, un ano; dispóis do ano nin bo galo nin bo criado* (XMSH:78, que explica ... *pois ó levar máis tempo fai o que lle ven en gana; en canto ó galo, convén cambealo cada ano pra ter machos forzudos e rexos*). Tamén en castelán: *El gallo y el criado un año, y aunque sirvan los dos, ¡ox!* (Ricardo de Escauriaza y del Valle: "La avicultura a través de los refranes" no *Boletín de la Cámara Oficial Agrícola de La Coruña*), que explica porque *el gallo se pone duro y el mozo se pone chulo*.

9.1.10. Cantidade óptima de gando

No 2004 o total de bovinos era, como dixemos, 1.038.455. O número de explotacións gandeiras era 58.396. Iso dá unha media de 17,78 animais por explotación. Se nos referimos non a totalidade de cabezas de bovino senón exclusivamente ás *vacas* (femias de máis de dous anos), a serie histórica dos últimos nove anos é a que presenta o seguinte cadro.

Galicia	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002 [35]	2003	2004	2006
Nº de explotacións	95.255	88.913	84.793	77.660	73.436	63.411	63.411	63.527	58.396	47.163
Nº de vacas	756.685	748.499	735.172	693.799	699.314	754.514	754.514	750.693	644.764	562.223
Vacas / explotación	7,9	8,4	8,7	8,9	9,5	11,9	11,9	11,8	11,0	11,9

▸ Fonte: *Anuario de Estatística Agraria 2004*. 4. Subsector gandeiro, 99, Consellería do Medio Rural. 2004.

Con todo, cómpre lembrar que os machos se sacrifican antes; e que hai un importante volume de sacrificio de becerros e becerras, co que non todos eses animais chegan a vivi-lo ano enteiro na casa. E aínda lle hai que suma-los que se venden. Por esta razón, a estatística da Xunta de Galicia manexa como parámetro de referencia a vaca (é dicir, a femia que xa pariu), que sempre supera o ano de estadía na casa. Nese sentido o dato referido ó mesmo 2004 era de 644.764 o que significa 11 vacas por explotación.

¿É esta a cantidade óptima de gando? Para Europa, non. Pero é a que as circunstancias históricas permiten na Galicia actual.

A cantidade óptima de gando é obviamente superior, porque unha vaca soa esixe un traballo que xa implica a plena dedicación e esta non é moi superior aumentando o número de vacas e racionalizando as tarefas.

Nas culturas tradicionais (os antigos hebreos, por exemplo) ser rico era ter moito gando. Na Biblia para enfatiza-la riqueza inicial de Xob, dise hiperbolicamente que tiña 500 parellas de bois antes das súas desgrazas (á parte de 7.000 ovellas e 3.000 camelos) (Xob 1,2) e despois de pasar pola miseria e de superalas probas que tivo que pasar, Deus concedeulle volver ser rico e chegou ás mil parellas de bois (Xob 42,12).

Aínda que nestas citas bíblicas se fala de bois e non de vacas, supoñemos que estas cifras hiperbólicas e simbólicas (coma case sempre na Biblia) o que expresan é a consideración de que ter moito gando é signo externo de riqueza. Isto, no mundo bíblico e tamén en calquera punto de Europa ou de América. Pero tomando a cousa ó pé da letra, nunha cultura tradicional, que carecía de vehículos de tracción automóbil, os bois tiñan unha importancia transcendental para o transporte e a agricultura, o subministro de alimento e a produción de coiro. Por iso en Galicia se recollían frases coma esta: *Somentes os ricos teñen bois. Os demáis teñen vacas, mercadas na feira ou criadas na casa* (Mel2). Vexamos algúns refráns verbo disto.

Bois e abellas non empecen as devesas. (VLLM2) [36]

Bois, ovellas, galiñas e abellas, comprida facenda. (VLLM2) [37]

Familia, a que Deus dea; e gando, o que se poida manter. (XMSM:34; VS) [38]

Pitas e res, as que podias haber; cochos e vacas, as que podias manter. (Viana5) [39]

O que ten gando, non desexa mal ano. (ANV3; VS; FBB8) [40]

O que ten gando, non pide mal ano. (ERG:gando) [41]

Pouco gado e ben farturado. (VLLM:2,94)

Pouco gado, pero farto. (VLLM:2,94) [42]

Si tes gado e non prau, unha vaca e moito leite, non che estrañe que mal pense. (VS)

---

[35] Os datos oficiais repiten sorprendentemente neste ano os mesmos do ano anterior.

[36] VLLM2:109. Llópiz: *avellas*, *debesas*; di que o recolle de Lence Santar, Mondoñedo.

[37] VLLM2:127. Llópiz di que o recolle de M. González de Rendar, O Incio.

[38] Velaí un refrán precursor da *Humanae Vitae* do papa Paulo VI. No texto: *Dios día, ganado* (VS).

[39] No texto: *rés*.

[40] VS di *gado* e comenta: *Sólo los logreros tienen interés en que el año no sea abundante, para lograr los mayores ingresos que proporciona la carestía de los artículos*. E cita a equivalencia portuguesa (*Quem tem gado não deseja mau ano*) e a castelá (*Quien tiene ganado, no desea mal año*).

[41] ERG: *tèn*.

[42] Llópiz recólleo en San Xulián de Facha, onda Monterroso.

Imos ver que da cantiga *Miña nai por me casare* corren unhas 30 variantes e en tódolos casos ofrécese gando como dote que estimule o fillo ou filla a casar. Independentemente de que despois o dote efectivo resulte ser un pote de papas ou algo igualmente irrelevante, chama a atención que quen ofrece o dote sexa sempre a nai, nunca o pai. É coma se o dote fose algo que decide a nai, cousa que parece implícita tamén naqueloutra cantiga *Eu queríame casar, / miña nai, non teño roupa. / Casa, miña filla, casa /cunha perna tapa a outra.* E mesmo nas cantareas nas que fala o noivo quen dá o dote é a sogra, o que vén confirma-lo que dicimos. En calquera caso, o dote ideal era gando, en canto era un medio de vida e de independencia económica e, por parte, un ben moble.

É tamén curioso que a entrega real, contra o prometido, sexa *unhas abarcas* (1 cantiga), *un par de estacas* ou *un pau* (en 2), *non lle dá nada* (en 2), *dixo que lle morreran* (en 4) e dálle realmente *un pote, unha taza ou unha cunca de papas* (en 22).

Ai miña nai por me casare
ofreceume bois e vacas
cando foi a darme o dote
pagou cun pote de papas. [43]

Miña mai, por me casar,
prometeume os bois i as vacas
e despois de casadiña
pagoume co pote das papas. [44]

Miña mai, por me casar,
prometeume unha becerra,
agora que me casei
díxome que lle morrera. [45]

Miña mai, por me casar,
prometeume unha becerra
i ahora que me casou
díxome que lle morrera. [46]

Miña mai, por me casare,
ofreceume bois e vacas
i ahora de casadiña
dáme unha cunca de papas. [47]

Miña mai, por me casare,
ofreceume bois e vacas
i ahora que me caseie
nin mar dá gordas nin flacas. [48]

Miña mai, por me casare,
ofreceume bois e vacas
i ahora que tou casado
pagoume cunhas abarcas. [49]

Miña nai, para me casare,
ofreceume bois e vacas
e agora que estou casado
deume unha cunca de papas. [50]

Miña nai, por me casar,
afreseume bois e vacas
e despois que me casou
doume unha cunca de papas. [51]

Miña nai, por me casar,
ofreceume bois e vacas,
agora que estou casada
doume unha cunca de papas. [52]

Miña nai, por me casar,
ofreceume bois e vacas;
agora que me casei,
pagoume cun par de estacas. [53]

Miña nai, por me casar,
ofreceume bois e vacas,
cando casada me veu
deume unha 'taza' de papas. [54]

43 SCHU6/2/1682b. No texto: *darm'o.*
44 TCha:59.
45 TCha:54.
46 SCHU6/2/1679b. No texto: *premeteum'unha.*
47 Xun-E2. No texto: *dame*.
48 SCHU6/2/1680.
49 SCHU6/2/1681. No texto: *y ahora*.
50 Salc4.
51 SCHU6/2/1682c. E engade o que parece ser un comentario da informante: *e paghoulle ben*.
52 Lama2:171.
53 MRV:50. Repítea na px. 94, onde escribe: *e agora que me casei...*
54 Corme1:466; AGA:46.

Miña nai, por me casar,
ofreceume bois e vacas,
cando foi a darme o dote,
deume unha 'taza' de papas. [55]

Miña nai, por me casar,
ofreceume bois e vacas;
cando me foi da-lo dote,
doume unha cunca de papas. [56]

Miña nai, por me casar,
ofreceume bois e vacas,
cando me foi da-lo dote,
deume unha cunca prás papas. [57]

Miña nai, por me casar,
ofreceume bois e vacas,
cando me veu dar o dote
deume unha cunca de papas. [58]

Miña nai, por me casar,
ofreceume bois e vacas,
dende que me viu casada
doume unha cunca de papas. [59]

Miña nai, por me casar,
ofreceume bois e vacas
desde que me viu casada
deume unha 'taza' de papas. [60]

Miña nai, por me casar,
ofreceume bois e vacas,
e agora que me casei,
deume unha cunca de papas. [61]

Miña nai, por me casar,
ofreceume bois e vacas,
e despois de me casar
deume unha cunca de papas. [62]

Miña nai, por me casar,
ofreceume vacas e ovellas,
i agora que me casei,
deume un pau de mil centellas. [63]

Miña nai, por me casar,
pormeteume bois e vacas;
dende que me viu casada
deume unha cunca de papas. [64]

Miña nai, por me casar,
pormeteume unha xugada;
desque casada me viu
non ma deu a condanada. [65]

Miña nai, por me casar,
prometeume bois e vacas;
agora que me casei
doume co pote das papas. [66]

Miña nai, por me casar,
prometeume bois e vacas,
agora que me casei
doume unha cunca de papas. [67]

Miña nai, por me casar,
prometeume bois e vacas;
cando me foi da-lo dote,
doume unha cunca de papas. [68]

Miña nai, por me casar,
prometeume bois e vacas
e así que me veu casada
pagou cun pote de papas. [69]

Miña nai, por me casar,
prometeume unha becerra,
despois de verme casada
díxome que lle morrera. [70]

---

55 AGA:46.
56 JASA:102 (Cant. 576). No texto: *dar o, doum'unha*.
57 AGA:46. No texto: *dalo*.
58 Rois:48. Duei e Verduga (Aguasantas, Rois, A Coruña); Vilariño (Urdilde, Rois, A Coruña).
59 AGA:48. No texto: *víu*.
60 SCHU6/2/1682a. No texto: *deum'unha*.
61 Morei:405, AGA:48, Niño. No texto: *i-agora, doume, taza* (AGA); *ahora* (Niño.).
62 Rois:48.
63 Morei:405. No texto: *ofrecéume, caséi*.
64 LimiaB:100.
65 LimiaB:101.
66 FBB2:168, AGA:48. Bouza Brey localízaa en Carril e escribe: *pormeteume, caséi*.
67 Coto2:67.
68 DBP:212. No texto: *dá-lo*.
69 Capela.:58. No texto: *prometéume, véu, pagóu*.
70 Lama2:171.

Miña sogra, ó me casar,
prometeume bois e vacas,
cando me foi da-lo dote
deume unha cunca de papas. [71]

Túa nai, por me casar,
prometeume bois e vacas;
agora que me casei,
dáme unha cunca das papas. [72]

Túa nai, por te casar,
ofreceume unha becerra;
e agora, como casaches,
díxome que lle morrera. [73]

Caseime con 'cara fea',
porque tiña moito gado;
o gado vaise morrendo;
'cara fea' vai quedando. [74]

Caseime con 'cara moura'
porque tiña moito gado.
o gado foime morrendo,
'cara moura' foi quedando. [75]

Caseime cun 'cara triste'
porque tiña muito gando;
o gando foime morrendo,
'cara triste' foi quedando. [76]

Eu casei con 'Caramoura'
porque tiña moito ghado
aghora o ghado morreume,
'Caramoura' foi quedando. [77]

Eu caseime con un vello
porque tiña moito gado,
o gado foime morrendo,
o vello foime quedando. [78]

Eu caseime cunha vella
porque tiña moito gando.
O gando foise morrendo;
a vella foime quedando. [79]

Eu caseime cunha vella
porque tiña moito gando;
o gando foise morrendo
i a vella foise quedando. [80]

Eu caseime cunha vella
porque tiña moito gando;
o gando morreume todo
i a vella foime quedando. [81]

Na camisa teño pulgas,
nos calzoncillos piollos,
como teño tanto gando
ós veciños canlle os ollos. [82]

Na camisa teño pulgas,
nos calzóns teño piollos,
como teño tanto gando
ós veciños cáenlle os ollos. [83]

Nena que séga-la herba,
apáñame unha pouquiña,
que meu pai ten moito gando;
non ten herba na cortiña. [84]

O cabazo ha de ser tal
que, de furado por dentro,
ha de dar cuadra bastante
pra meter dous bois dentro. [85]

Rapaza que vas co gando,
lévame o meu, que é pouco;
unha vaca e dous becerros
vanche no medio do outro. [86]

---

71 RC:149, VLQ2:222. No texto: *prometéume, dál-o dote, dóume* (RC); *o me casar, prometéime* (sic), *dal-o, doume* (VLQ2).
72 AGA:65. No texto: *dame.*
73 MRV:94.
74 MRV:50.
75 XAM:36, XAM2:270, VLQ2:341. No texto: *muito* (XAM); *caséime* (VLQ2).
76 TCha:63.
77 SCHU6/2/1690. No texto: *aghor'o.*
78 Cea2. Máis explícita, se cabe, é estoutra cantiga que copiamos de Rielo Carballo: *Eu caseime con un vello/ pra lle rapar a moeda,/ a moeda acabouse/ mentres que o vello queda* (TCha:63).
79 MVN6, LimiaB:80. No texto: *c'unha* (MVN6); *gado, i a vella* (LimiaB).
80 DBP:3283.
81 VD:294. No texto: *c'unha, i-â vella*.
82 Coto2:72.
83 Lama2:89, VLQ2:378. No texto: *calzós, a-os, canlle* (VLQ2).
84 MRV:49.
85 DBP:3588.
86 DBP:3790. No texto: *lévam'o, qu'é*.

Rapaza, se vas á herba,
darasme unha paradiña;
que o meu pai ten moito gando,
pouca herba na cortiña. [87]

Teño piollos na cabeza,
pulgas por dentro do corpo,
como teño tanto gando
hanche de cae-los ollos. [88]

Teño piollos na camisa,
tamén os teño no saio,
todos me teñen envidia
porque teño moito gado. [89]

Teño pulgas na camisa,
tamén as teño no saio;
todos me teñen envidia
porque teño moito gado. [90]

Ti casácheste cun vello
porque tiña moito gando,
o gando xa foi morrendo
e o vello foiche quedando. [91]

Tiven casa, pan e gando,
pro nunca tiven goberno,
e, tras de cen fuciñadas,
ben vedes como me eu vexo. [92]

9.2. O gandeiro

Na gandería tradicional, cando se fala de *gandeiro*, non se fala dunha persoa que se dedica exclusivamente á cría do gando senón dunha persoa, home ou muller, que, por parte, é labrega no máis amplo sentido que a palabra ten na aldea tradicional. Mesmo hoxe, cando a gandería se está industrializando, os gandeiros conservan, por necesidade económica, unha importante actividade labrega, para produciren maiormente herba e millo que alimenten o gando. Polo tanto estamos a falar dunha actividade mixta, na que a parte agrícola se destina a soste-la actividade pecuaria.

Non debe de sorprender, polo tanto, que o léxico tradicional para definir esta persoa ou persoas non debuxe claramente o perfil do criador de gando. Ben mirado, ese gandeiro simultaneamente é moitas outras cousas: traballa o leite, produce queixo e manteiga, atende o parto da vaca, vai ó monte a por estrume e esparexe o esterco, leva o gando a pacer e pono a tirar do carro e do arado e, noutros tempos, podía estar especializado no carreto con bois. Na Galicia rural o gandeiro non se contrapón ó labrego senón, máis ben, ó tratante; e, por suposto, ós mariñeiros, ós que teñen oficios máis específicos (zapateiros, canteiros, xastres e similares) e ós que dalgunha maneira teñen que ver coas diferentes Administracións.

É mesmo probable que, na gandería tradicional, a palabra *gandeiro* se usase dende fóra, dende outros oficios, para marca-la diferenza con quen vive, por exemplo, de mercar ou vender gando ou de matalo e vende-la carne. Hoxe os gandeiros adoitan estar especializados ou na cría de gando de leite ou de carne.

Todo isto explica que o léxico tradicional recollido para o estrito concepto de gandeiro sexa suficiente pero moi pouco variado. En calquera caso, refírese á actividade estritamente gandeira dun traballador polivalente.

9989 **carreiro 1** *s.m.* Ver CARRETEIRO /9990. (ERG).
9990 **carreteiro** *s.m.* Persoa que vai chamando os bois que tiran polo carro. (ERG).
9991 **criadoiro** *s.m.* Ver CRIADOR 1 /9992. (ERG).
9992 **criador 1** *s.m.* Persoa que se adica á cría do gando. (ERG).
9993 **gandeiro 1** *s.m.* Persoa que se adica fundamentalmente á cría do seu propio gando. (Común).
9994 **penseiro 2** *s.m.* Persoa que se encarga de atende-lo gando da casa. (Arcos).
9995 **xoncedor** *s.m.* Persoa que xonce ou xungue. (Piquín).
9996 ***ganadeiro** *s.m.* Ver GANDEIRO 1 /9993. Forma híbrida castelá-galega. (Lama2, LimiaB, VS, Xun.).
9997 **armentoso** *adx.* [Gandeiro] rico, podente, que ten moito gando. (LG).
9998 **gandeiro 2** *adx.* Pertencente ou relativo ó gando. (Común).

[87] MRV:50.
[88] DBP:2787. Cae-los ollos coa envexa.
[89] VLQ2:376, JPBII:295.4. No texto: *n-a, n-o sayo* (JPB).
[90] DBP:3474.
[91] Lama2:172.
[92] MLP3:197. No texto: *cómo m'eu vexo*.

A vida máis alegre é a do ganadeiro: trampa arriba, trampa abaixo, nunca lle falta diñeiro. (VS)
Ganadeiro que seu oficio entenda, home ha de ser de gran trastenda. (VS) [93]

As mociñas que hai agora
xa non queren ganadeiros,
que queren a uns que traian
moi bos ranchos e diñeiros. [94]

María Antonia do Rego,
a do refaixo marelo,
andas segando no trigo,
falando cun ganadeiro. [95]

9.2.1. Eloxio da propiedade

Ter gando en propiedade foi o soño dos nosos devanceiros, porque dese feito dependía o sustento mínimo e a economía familiar toda. A propiedade do gando era sagrada pero a propiedade dos poderosos érao máis. Na nosa historia, coma en todas, houbo casos de rigor extremo cos débiles en defensa da propiedade dos poderosos. Posiblemente un dos máis estremecedores documentos sexa un do mosteiro de Sobrado dos Monxes do ano 858 que cómpre ler como probablemente se redactou: o xuíz, que é o bispo Froarengo, ponlle á firma a unha muller, chamada Letasia e que non é analfabeta, unha declaración de culpabilidade e de voluntaria aceptación (*e a sentenza pareceume ben*) dunha condena implacable: a perda de certas propiedades para compensar catro vacas e sesenta queixos *que lle comera* a un tal Hermexildo mentres viviu en adulterio cun servo del, chamado Adolfo. Este texto suscita interrogantes porque, sendo tan exemplarizante a condena, máis que documento auténtico dunha condena real, parece unha proclama de que a propiedade é sagrada ou de que o adulterio recibe tamén severo castigo civil: porque, non sabemos se o cómplice da malversación e do adulterio padeceu unha condena equivalente. Ese texto, traducido do latín [96], di así:

> *No nome de Deus. Eu, Letasia, son coñecida de moitos e moitos saben que eu vivín en adulterio cun servo de Hermexildo chamado Adolfo. Este traballaba a devesa del e comémoslle ás agachadas dos seus animais catro vacas e 60 queixos. Leváronme ante o xuíz, o bispo Froarengo por seu nome. E ese xuíz xulgou que eu debía compensa-las vacas e os queixos e a sentenza pareceume ben. Por iso me pareceu ben a min, Letasia, que por todo ese roubo, que ante o xuíz recoñecín, compensarte, a ti Hermexildo, coa miña propiedade, toda enteira, que teño na vila onde morou o meu pai Cristovo e tamén os meus tíos Abuíno, Deodato e Ivolico, no territorio do Tambre: quero dicir, terras, pomares e todo tipo de froitas, prados, veigas, brañas, augas cos seus regueiros, casas con tódalas súas entradas e saídas e con tódolos seus cubertos e todo o que existe para utilidade humana. De xeito que de hoxe en diante todo iso deixe de ser meu e pase a ser teu de pleno dereito no nome de Deus. E se alguén, cousa que non espero que aconteza, quixese intervir contra esta miña decisión, teña que pagarche dúas libras de ouro e ti teñas iso a perpetuidade. Fíxose o documento de compensación e acordo o 24 de agosto de 858. Eu, Letasia nesta escritura de testamento e acordo puxen a miña sinatura. Testemuñas que asinan: Sisiberto, Savarigo, Asiulfo, Dacoi, Ebregulfo, Mirelo, Ostouredo, Guirico e Ermorico.*

---

93 Coma noutras paremias que Vázquez Saco recolle de Jacinto del Prado, esta ten trazas de ser unha máxima de autor.

94 Lama2:92.

95 LimiaB:93. Explica Xaquín Lorenzo que *A moza á que se refire esta cantiga é unha das chamadas alugadas, grupos de mozas que ían segar na época da seitura por terras de preto, anque ás veces chegaban alé* (sic) *Castela; ían dirixidas por unha de elas que faguían no nome de todas as contratas, cobraba as soldadas, etc., rendíndolles contas ao rematar a tempada... A fama de estas mozas non era das millores...*

96 O texto latino di así: *Karta quam fecit Letasia in Dei nomine. ego Letasia manifesta quidem sum multis set set et multis manet notissimum eo quod commiscui me in adulterio cum seruo Hermegildi nomine Ataulfo, qui eius bustum tenebat, et comedimus de ipsis suis animalibus IIIIor uaccas, LXa caseos furtim, et adduxerunt me ante iudicem nomine Froa*[r]*engum episcopum. et ipse iudex iudicauit ut pariarem ipsas uaccas et ipsos caseos in duplum, et facerem octo uaccas placibiles et centum uiginti caseos, quod iudicium bene mihi complacuit. Ob inde placuit mihi Letasie ut pro omni ipso furto quod ante ipsum iudicem manifestaui, pariarem tibi Hermegildo omnem meam hereditatem integram, quam habeo in uilla ubi pater meus Cristoualus habitauit, siue tiones mei Abolinus, Deodatus, et Iuolicus habitauerunt, in territorio Tamarense, id est, terras, pumares, et omnia genera pomorum, pratis, pascuis, paludibus, aquas cum ductibus suis, parietes cum omni suo accesu uel recessu et cum omnibus edificiis, uel quicquid ad prestitum hominis est. Ita ut de hodie die et te, quod fieri non credo, contra hunc meum factum ad irrumpendum uenerit, pari[at] ti auri libras duas et tibi perpetim habituram. Facta cartula pariationis uel placiti VIIIo kalendas septembris, era DCCCa LXXXX-VIa. Letasia in hac scriptura testamenti uel placiti manu mea signum feci. Sisibertus testis* [signat] *Assiulfus ts.* [sig.] *Dacoi ts.* [sig.] *Ebregulfus ts.* [sig.] *Mirellus ts.* [sig.] *Ostouredus ts.* [sig.] *Guiricus ts.* [sig.] *Ermoricus ts* [sig.] (LGV I, doc.76 p. 105-106).

En Galicia o gando representa a riqueza e o número de vacas que teña un labrego serve de baremo para xulga-la súa posición económica. Xa era así na Idade Media como testemuñan as *Cantigas de Santa María* [97]. A maiores, ter unha parella de bois xa indica unha situación de estabilidade e de suficiencia.

> *Só as casas máis fortes manteñen unha parella, ou varias, de bois. Só elas dispoñen de cartos para mercalos e de prado con que mantelos, polo que se converten nun dos signos de riqueza.* [Os bois] *Son máis fortes para o traballo que as vacas, pero nin crían nin dan leite* (XRMF4: 82).

En certos casos o primeiro que se lle pregunta a un pretendente rural é cantas vacas ten. De que isto foi realmente así, queda o feito de que aínda hoxe nas discotecas urbanas en tono de broma aínda hai mozos que convidan a bailar mozas (que *están coma as vacas na feira*, é dicir, ociosas esperando alguén que se interese por elas) coa frase:

- *¿Gastas pista ou estás apalabrada?*

á que a moza responde cunha destas dúas preguntas:

- *¿E ti cantas vacas tes?*
- *¿Cantos claros tes no hórreo?*

O humor e a teatralidade do diálogo son neste caso o recurso que permite a repetición ritual de algo que hoxe é só testemuño histórico: o que non quere dicir que outras propiedades máis actuais e urbanas non cumpran hoxe de maneira tácita pero efectiva o papel que aquel diálogo suxire. Algo disto está implícito no conto de Pedro Malas recollido en Terras de Valdeorras (Vald7:74):

> *- Como eu xa vou vella e vou a morrer pronto, ¡cásate, meu fillo cásate!*
> *- ¿E con quen me vou a casar?*
> *- Cásate ca María, que soio ten dous irmaus e ten parexa de bois e un bon capital.*

ou no seguinte fragmento de *Os vellos non deben de namorarse* (CAS1:523) no que tratan de casar a Pimpinela co vello Sr. Fuco:

> -(a nai): *Terías unha casa de vinte fiestras e unha solaina; terías criadas e criados ao teu servizo; terías fartura de pan, de viño e de todo canto pode dar a terra.*
> -(o pai)*: Dúas xuntas de bois e sete vacas.*

Xa en 1881 Justo Pico de Coaña escribira a *carta a Bastián da Pallarega* [98] que retrata fielmente a pobreza da vida do gandeiro. Entre outras cousas di:

> *Carne, ¡mau pocado!: muitos non a proban catro veces no ano; fora do leite da vaquiña, non teñen outro compango. Os que viven preto do mar gañan algo e levan peixe -caiaxe lle chaman- do que pescan nas redes, indo nas compañas por contrato cos donos das frábicas. As mulleres coidan das casas e gado; os nenos van ó lindeiro; as nenas ó mesmo tempo van fiando na roca, cerro ou viño do liño da colleita; manteñen un ou dous cochos, segundo poidan, un pra a feira i outro pra a casa; fan manteiga e queixos; xuntan ovos das galiñas e véñenlos vender o día do mercado; outras tran leña, feixes de toxos, palla, molimes pra estrar cortellos e facer cuito, e co diñeiro que sacan mercan nas tendas o que máis lles fai falta.*

E Francisco Potel Pardal [99] no 1911 describe *como vive a xeneralidá dos que por moranza teñen á nosa Galicia*:

> *O que ten compango pra todos os días xa é un labrador bastante bo, e con todo ben probe é; porque ¿qué pode ser o compango? Uns oviños, un pouco leite, queixo, unhas pataquiñas, uns greliños con sardiñas saladas ou badexo e case case acabamos de contar. Pero ¿i o que non ten vaca? Pois nin ten leite nin queixo. ¿I os que teñen que vender os ovos pra mercar aceite, xabrón, ou outra cousa, qué lles queda ¡Coitadiños!; si non matan porquiño, terán que comer caldo ó almorzo, caldo ó xantar e á cea, e nomais que caldo sempre.*

---

[97] Na cantiga 406, vv. 43 e ss. di *Ben vennas, Mayo, / con muitos gãados; // e nos roguemos / a que os pecados // faz que nos sejan / de Deus perdõados, // que de seu Fillo / nos faça privados*. E nos vv. 33 e seguintes dicía *Ben vennas, Mayo / con vacas e touros; // e nos roguemos / a que nos tesouros // de Jeso-Cristo / é, que aos mouros // çedo cofonda, / e brancos e louros*. A expresión aparece en paralelo con estoutras: *Ben vennas, Mayo" ... "e con alegria", "con toda saude", "e con lealdade", "con muitas requezas", "coberto de fruitas", "con bôos sabores", "alegr' e sen sanna", "con bôo verão", "con pan e con vîo", "manss'e non sannudo", "alegr'e fremoso", "con bôos manjares"*.

[98] PC:130-131.

[99] FPP: 255.

O eloxio da propiedade agrícola ten un significado, cando o fan labregos, porque resalta a pequena independencia económica que permite no medio da modestia con que o campo obriga a vivir. Pero todo eloxio da vida rural ten outro sentido moi distinto cando o fan persoas que viven e beben nas cidades, sen pensar seriamente nin por un momento en deixaren a vida urbana. Esa contradición xa a manifestou hai dous mil anos o poeta venusino Horacio, cando compuxo aquel sonado *Beatus ille*, oda irónica na que un urbanita, como hoxe se di, loaba hipocritamente as dozuras da vida agrícola, mentres el gozaba outras dozuras, as de ser banqueiro na cidade. Pódese le-la tradución de García Mosquera (JGM) no capítulo 16 (*A vaca na literatura*). Véxase tamén no mesmo capítulo o epigrama anónimo *Casos e cousas*.

O gando, co carro e a terra, é a ferramenta da autonomía económica do galego. Por iso presta ler en 16.2. *O Ciprianillo,* aqueles versos de Curros Enríquez que falan do xornaleiro que chegou a *ter de seu terra regantía, carro e gando*. Pero tamén é ben ler aqueles outros de 1671 de Gabriel Feyxó de Araújo *A contenda dos labradores de Caldelas*; ou finalmente os que Eladio Rodríguez titula *O carro labrego* e *¡Meus marelos!*

A gado posto e xente de seu logo se chega. (Muga2) [100]
A unhos abórtanlle as vacas, a outros párenlle os bois. (Gud5:112) [101]
A uns mórrenlle as vacas, a outros párenlle os bois. (VLLM:1,131) [102]
A uns mórrenlle as vacas e a outros párenlle os bois. (VLLM:1,142) [103]
A uns párenlle os bois e a outros arrebéntanlle as vacas (Porr2) [104]
A us párenlle os bois e a outros amálanlle as vacas. (VLLM:1,157) [105]
Hai a quen lle morren as vacas e a quen lle paren os bois. (VLLM:1,142) [106]
A vaca é nobreza, a ovella riqueza, o porco tesouro e a cabra socorro. (VLLM:2,82) [107]
A vaca é ouro e o porco tesouro. (VLLM:2,82) [108]
A vaca é tesouro e riqueza o porco. (VLLM:2,82)
Pra o galeguiño a vaca é ouro e o porco o socorro. (VLLM:2,82)
Pra o galeguiño a vaca é ouro e o porco tesouro. (VLLM:2,82)
Pra o galeguiño a vaca é riqueza e o porco tesouriño. (VLLM:2,82) [109]
Pra o labrego a vaca é ouro e requeza o porco. (VLLM:2,82) [110]
Á vaca alugada enxóitanlle os tetos. (VLLM:1,131) [111]
Á vaca emprestada, os tetos se lle secan. (VLLM:1,131) [112]
Vaca alugada, tetos enxoitos. (VLLM:1,154)
Ben pobre é o que conta o seu gado. (VLLM:2,82) [113]
Bois, ovellas, galiñas e abellas, comprida facenda. (VLLM2:127) [114]
Ha de ter, o que rico queira ser, a ovella, a abella i a pedra que trebella, unha muller goberneira e unha vaca manteigueira. (XTC4) [115]

---

[100] Desgraciadamente, resulta moi fácil que che veñan a pobreza e os moitos fillos.

[101] No texto: *abortanlle*.

[102] Llópiz recólleo de F. Bouza Brey (Orense 1928) e di que é expresión das veleidades da fortuna. En Portugal: *A uns morren as vacas, a outros parem os bois* (DMA:262).

[103] Llópiz: *mórrenll'as, párenll'os*; recólleo de Bouza Brey.

[104] Uns teñen tanta sorte que incluso lles paren os bois (que nunca paren); a outros, en cambio, nin sequera lles paren as vacas preñadas, que acaban rebentando.

[105] Llópiz recólleo dun *Repertorio pop. gall*. Entendemos que *amalar* é enfermar, pero ben pode significar abortar (malparir).

[106] Llópiz recólleo do *Falar de Lobeira*.

[107] Llópiz recólleo de F. Fernández R. Losada.

[108] Llópiz explica que é así porque a vaca vale en vivo mentres que o porco vale despois de morto, gardado na salgadeira.

[109] Llópiz: *requeza.*

[110] Llópiz: *requeza* (sic); recólleo en Dozón.

[111] Llópiz explica *alugada*, "*alquilada*"; di que se aplica ó ignominioso abuso dos que a explotan.

[112] Llópiz di que é pé dun debuxo de Castelao.

[113] Llópiz recólleo no Páramo (Sarria).

[114] Llópiz di que o recolle de M. González de Rendar, O Incio.

[115] No texto: *y-a pedra*. Tamén temos estas variantes: *Quen rico queira ser estas cousas ha de ter: ovella, abella e a pedra que terbella, égoa parideira e muller gobernadeira* (XTC4; XMSH:138: *ser queira, goberneira*); *O que rico quer ser, catro cousas ha de ter: cabras, ovellas, abellas e muiño onde moer* (XMSH:75), *Quen rico ser queira estas cousas ha de ter: ovella e abella, e a pedra que terbella, égoa parideira e muller goberneira* (MSH:195).

Ó que teña abellas e vacas nada lle falta na casa. (VLLM2:109) [116]
Cando che dan o almallo, acude co barazo. (VLLM:1,137) [117]
Cando che dean a xatiña, acude coa cordiña. (VLLM:1,137) [118]
Cando che digan "Colle a vaca", corre coa baraza. (VLLM:1,137) [119]
Coa hucha baleira, non se fai feira. (XLFG) [120]
Deus che dé vacas e mais fillos para lindalas. (VLLM:1,139)
Deus che día vacas e fillos para lindalas. (VLLM:1,139) [121]
Dios che dea vacas e ovellas e herbedás pra mantelas. (VLLM:2,87) [122]
Díate Dios corte e cortello e ovellas e bois pra enchelos. (VLLM:2,87) [123]
¡Ei, charelos das Chas, vendedes os bois e arades cos cas! (ERQ1:65) [124]
En Vilaicente matan o ganado e aran coa xente. (VS) [125]
Os de Correás venden os bois e aran cos cas. (TCha:81) [126]
Os de Garabás venden as vacas i aran cos cas. (VS) [127]
Os de Marzás venden os bois e aran cos cas. (XTC4) [128]
Os de Tamaguelos matan os bois e aran cos cadelos. (XTC4) [129]
Gana un bo gando pra un bo gastador. (UCA2:37; ERG:gando) [130]
Labrador sen carro, é como a vaca sen rabo. (Sob3)
Labrador sin carro, can sin amo, curro sin valado e nena sin amor, sonche a cousa pior. (XMSM:76; XLF:64) [131]
Lugar sin carro, can sin amo, bácoro sin porca e moza sin amor non che hai cousa pior. (XLF:64)
Labrego sin gado vive sempre empeñado. (EGE:57)
Máis val un boi ca unha boiada. (MV88:11) [132]
Vale máis boi que boiada. (XLF2:68) [133]
Vale máis un boi que unha boiada. (XTC4; VS) [134]

---

[116] Llópiz di que o recolle de Noriega Varela (*Sentencias populares*, Ribadeo).

[117] Llópiz: *có*, *acode*; di que o recolle de E. Álvarez Jiménez [sic] (*Refr. agr.*). Supoñemos que se refire ó *Refranero agrícola y metereológico* (sic) *gallego* de Emilio Álvarez Giménez publicado en Pontevedra en 1904; pero nel non figura o tal refrán e o máis parecido di así: *Cando dan a ovella, coller a corda e ir por ela*. Tampouco o atopamos noutro refraneiro que o mesmo Álvarez Giménez publicou en *Ultreya* en 1920.

[118] Llópiz: *ca*, *acode*; recólleo de Vicente Risco (*Notas para ...*, Ourense 1954).

[119] Llópiz: *cá*; recólleo de J. Piñeiro Cellán en Monforte; di que cadra co cast. *Cuando te den la vaquilla, acude con la soguilla* e co latín *Suscipe cum sacco, quando tibi dona ferantur* (Llópiz por erro di *farantur*), que quere dicir: *recolle cun saco cando che dean de balde*.

[120] No texto: *valeira*.

[121] Llópiz recólleo en Santa Uxía de Lobás (O Carballiño).

[122] Llópiz recólleo nos *Ensayos paremiológicos* de Couceiro Freijomil. A ortografía de *herbedás* pode ser discutible: Llópiz parece entende-la palabra como sinónimo de *prado* ou *herbal* e diso é do que se alimentan fundamentalmente as vacas e mailas ovellas, nese caso sería correcta a grafía. Pero *herbedal* tamén pode derivar de *érbedo*, variante de *albedro* (cast. *madroño*), se ben non parece que as vacas se alimenten ordinariamente dese arbusto.

[123] Llópiz: *prá enchel-os*; recólleo na Gudiña, onde existe unha área de teísmo, como reflicte o refrán; inexplicablemente define unha palabra que non está no refrán: trátase de *Petisco* (redil, aprisco).

[124] *Charelo*: denominación despectiva que os naturais de Medeiros dan ós das Chas e A Granxa, dous lugares de Medeiros -di ERQ-. Supoñemos que este Medeiros é a parroquia do Concello de Monterrei. Notable aliteración do ese. ERQ reprodúceo sen signos de exclamación.

[125] Con este nome, unicamente atopamos un lugar e parroquia das Nogais (Lugo).

[126] Este refrán cita un lugar da zona do plural en *-ás* collido para rimar con *cas* (Correás é lugar da parroquia de Fraialde en Pol, Lugo) e, pola mesma, podíase aplicar ós de Correáns, lugar de Vinseiro (A Estrada, Pontevedra) rimando con *cans*. Lembra a broma que os de Medeiros lle gastan ós das Chas e da Granxa berrándolles da outra banda do río Búbal: *Ei, charelos das Chas, vendedes os bois e arades cos cas*.

[127] VS: *i-aran* (no ms. *y'aran*).

[128] Este e mailo refrán seguinte fan alusión á tacañeira dos habitantes dos lugares veciños. Proceden de Baños de Molgar a onde pertencen os dous lugares, e foron proporcionados por D. Higinio Fernández Novoa, parroco de Vilamaior. No texto: *cás*.

[129] No texto: *cós*.

[130] UCA2: *para un bô gastador*.

[131] Xaquín Lorenzo explica que se refire á falta do carro como símbolo de pobreza. Tamén temos: *Lugar sin carro, can sin amo, bácoro sin porca e moza sin amor, non che hai cousa pior* (XMSM:76; ZM:128).

[132] No texto: *Mais*.

[133] Contaba Ian Gibson na TV que o refrán *Más vale pájaro en mano que ciento volando*, en irlandés remata: *que catro voando*, e interpretaba que os irlandeses son menos hiperbólicos cós hispanos. Por aí, se cadra, vai o senso deste refrán.

[134] No texto: *mais, boyada* (XTC4); *qu'unha* (VS).

Máis val un boi meu, cós da corte do alleo. (VLLM:1,143) [135]
Máis val un boiciño dos meus, cós da corte do alleo. (VLLM:1,143)
Máis val unha vaca/vaquiña miña, que dúas na corte (da) veciña.(VLLM:1,143) [136]
Máis val unha vaquiña miña, que tódalas da corte veciña. (VLLM:1,143) [137]
Mal lle vai á corte cando o boi vello non tose. (ERG:boi; VLLM:1,143) [138]
Mal lle vai á corte onde o boi teixo non tuse. (VLLM:1,143) [139]
Mal lle vai á corte onde o boi vello non tose. (ZM:129; VS)
Mal vai a corte do boi vello non tose. (FBB:226; VS) [140]
Mal vai á corte, onde o boi vello non tose. (EAG:19; JASA:343; JASA2:373; JASA3:223; UCA2:44) [141]
Millor é que morra un boi que un rato de fame. (VS) [142]
Na casa de Casiano comen pan e leite todo o ano. (RCI:155)
No xusgado antes che perguntan si tes vacas que como te chamas. (XFR2:47)
Non hai cartos como os que van polo seu pé á feira. (VS) [143]
Nun leiro estreito, se unha vaca se pon atravesada, ten que cagar fóra do eido. (Carb-L:202; VS) [144]
O gado ben coidado fai rico a calquera amo. (RCI:104) [145]
O ganado é a pañería do labrador. (VS)
Ó home sin fortuna párelle a vaca no outono e a muller na seitura. (VS) [146]
Ó pobre, a muller e a gata; ó rico, a pocha e a vaca. (Camb1:99) [147]
Ós pobres Deus mándalles nenos, ós ricos mándalles becerros. (Gro5)
Ós pobres, nenos; ós ricos, becerros. (VS)
Ós probes mándalles Deus nenos; e ós ricos, becerros. (XMSH:154; ZM:40) [148]
Ós probes, nenos, e ós ricos, becerros. (VS) [149]
Ós ricos empréñanlles os bois e ós pobres, as vacas machorras. (RCI:129)
Ós ricos hasta lle pairen os bois. (XTC4) [150]
Ós ricos hasta lle paren os bois. (Marín4)
Ós ricos hasta lles paren os bois. (XTC4) [151]
Ós ricos párenlle as vacas e ós pobres as mulleres. (FBB3:88)
O que bois ten, ara cando quer. (VLLM:1,148) [152]
Quen bois ten, ara cando quer. (VLLM:1,148)

---

[135] Llópiz: *que dos* (sic); corriximos en *cós*, porque a seguir cita unha var. do mesmo informante que ten *que os* e, polo tanto, coidamos que é errata.

[136] Llópiz recólleo de P. Dopico en Arteixo.

[137] Llópiz recólleo de J. García González de Malvas.

[138] Llópiz: *â*; cita a var. que está no *Catálogo de prov.* de Pedro Vallés: *Mal lle vai á corte onde o boi teixo non tose*; ver explicación a este refrán en 2.2.1.1. *Raza marela* no capítulo 2. *Exterior*. A tose aquí aparece en sentido figurado como símbolo da autoridade: pode *tusirlle a alguén* quen ten autoridade para facelo. Lémbrese o refrán *Onde o home tose, a fame foxe* (ZM:188) ou a descrición que nos dá Neira Vilas: *Un rapaz da aldea. Coma quen dis, un ninguén. E además, probe. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa* (XNV:25).

[139] Llópiz: *vá* (sic); corriximos *va* por *vai* xa que ten tódalas trazas de non ser refrán galego: Llópiz di que o recolle do *Catálogo de prov.* de Pedro Vallés.

[140] FBB engade: *'Do', arcaísmo por 'donde'. Murguía lo restituye modernizándolo*. VS: *va, buey*. Saco comenta: *Recomendando el gobierno de los experimentados*, e ofrece estes equivalentes: P.: *Mal vai à corte onde o boi velho tosse* (Chaves); E.: *Mal va a la corte donde el buey viejo no tose* (Correas), *Mal va a la corte donde el viejo no tose, Mal va a la troje donde el buey viejo no tose*.

[141] No texto: *â corte* (JASA2, JASA3); *a corte, tuse* (UCA2).

[142] Saco explica que é mellor que nunha casa morra un boi coa fame que un rato; porque, se falta a mínima cantidade de alimento que precisa un rato, é porque a situación é de absoluta desnutrición.

[143] VS: *Non hay cartos, com'os que*, e comenta: *El fruto sobrante dásele al ganado, que es el mejor dinero*.

[144] VS: *s'unha vaca*. Comenta Saco que *Algo dice a favor de la concentración parcelaria*.

[145] No texto: *cuidado, calquer*.

[146] VS: *parelle a vaca / párell'a*.

[147] Sobreenténdese *párenlles*.

[148] ZM: *aos*.

[149] VS: *i-ós ricos*, e explica que *Diós niega familia a quien puede mantenerla; y la da a los pobres*.

[150] XTC4: *Aos*.

[151] A xente que é rica ten moita sorte e aínda consegue máis riqueza facilmente.

[152] Llópiz recólleo de *Pontes de España*.

O que non teña diñeiro, venda a vaca ó macelleiro. (VLLM:1,149) [153]
O que non teña pra unha vaca, merque unha cabra. (VLLM:1,149) [154]
O que ten gando, non desexa mal ano. (ANV3; VS; FBB8) [155]
O que ten gando, non pide mal ano. (ERG:gando) [156]
Ó que ten vaca e porco, escúsanlle os socorros. (VLLM:2,82) [157]
O que ten vaca e porco, non cubiza tesouro.(VLLM:2,82) [158]
O que ten vacas e porcos non pedirá socorro. (VLLM:2,82) [159]
O que ten vacas sabe/saberá de xatos. (VLLM:1,149) [160]
O que ten vacas, ben paga. (VLLM:1,149) [161]
O que vacas ten, paga ben. (VLLM:1,149) [162]
O que ten vacas, de leite se farta. (VLLM:1,149) [163]
O que ten vacas, de manteiga se farta. (VLLM:1,149) [164]
O que ten vacas, de tona se farta. (VLLM:1,149) [165]
O que ten vacas, manteiga non lle falta. (VLLM:1,149) [166]
Onde brúa un boi e canta un crego non che falta un peso. (VLLM:2,59)
Onde brúa unha vaca e un crego canta, nunca falta moeda branca. (VLLM:2,59)
Percura bon arado, abelleiras e gado. (VLLM2:109) [167]
Pitas e res, as que podias haber; cochos e vacas, as que podias manter. (Viana5) [168]
San Antonio garde o gando que a xente unha vén e outra vai. (SOBREI) [169]
Si a fame entra pola cuadra, mal lle vai ós de arriba. (XTC4) [170]
Un labrego sin gando é como un home sin as súas partes. (Tebra2) [171]
Vacas vellas e carros vellos, non é caudal. (VS)
Véndeme os bois e véndeme as vacas, e non me vendas o pote das papas. (XAM2:22; VS) [172]
Véndeme os bois e véndeme as vacas, pero non me vendas o pote das papas. (SPP:279) [173]

---

153 Llópiz explica que *macelleiro* é palabra do galego arcaico que significa o matarife ou mesmo a cortaduría e di que é un derivado de *macelo*, instrumento con que se sacrificaba a res.

154 Llópiz explica que a cabra é a vaca dos pobres, citando o ref. fr. *La chèvre est la vache des pauvres*.

155 VS di *gado* e comenta: *Sólo los logreros tienen interés en que el año no sea abundante, para lograr los mayores ingresos que proporciona la carestía de los artículos*. E cita a equivalencia portuguesa (*Quem tem gado não deseja mau ano*) e a castelá (*Quien tiene ganado, no desea mal año*).

156 ERG: *tèn*.

157 Llópiz: *pórco*; recólleo de A. Mendaño en Sarria.

158 Llópiz: *pórco*; recólleo de C. Agrasar (*Agrarismos*, Herbón).

159 Llópiz: *pórcos*; explica que cos produtos destes animais cobre e supera tódalas súas necesidades. Este refrán debeu de ser válido nos tempos de economía de subsistencia e aínda en parte nos anos cincuenta, cando Llópiz redactou o seu *Refraneiro*, pero non hoxe, cando o labrego galego se ve forzado a competir repentinamente cos gandeiros da U.E., a non ser, abofé, que o tal gandeiro teña centos de porcos e centos de vacas.

160 Llópiz recólleo de José Mª Bergantiños na Ponteceso e de Barbeiro Aceña en Lugo.

161 Llópiz recólleo en Betanzos de J. Balea.

162 Llópiz recólleo en Monforte de Salvador Rubio.

163 Llópiz recólleo de A. Noriega.

164 Llópiz recólleo da colección de *Refranes* Ultreya. Cabería pensar que é a nosa fonte *AdC*, pero nesa colección non figura este refrán. Tamén miramos na revista *Ultreya* (1919-1920), que trae dúas coleccións de refráns, pero tampouco aparece nelas.

165 Llópiz recólleo de *Zootecnia* do Instituto Pecuario de Lugo.

166 Llópiz recólleo de E. Mayobre en Serantellos. Esperaríamos *Ó que ten...* e daquela sobraría a coma.

167 Llópiz recólleo de M. González en Rendar, O Incio.

168 No texto: *rés*.

169 No texto: *unha ven y outra vay*.

170 Na casa tradicional galega, a planta baixa estaba ocupada, en todo ou en parte, polas cortes, e sobre elas estaba a vivenda propiamente dita.

171 Franco Grande explícao así: *É craro que en tempos máis recuados, unha vaca era tamén o millor que se tiña, despois da familia. A cousa é tan crara que está moi ben expresado no noso refrán: 'Un labrego sin gando é como un home sin as súas partes', dispensando* (Tebra2:30).

172 VS: *Véndem'os bois e véndem'as vacas*. Tamén recolle a forma *Véndeme o boi e véndeme a vaca*.

173 No texto: *Véndem'os bois, vèndem'as vacas*.

Outras cantigas que tamén poderían clasificarse neste capítulo (do tipo *Miña nai por me casar...* ou *Caseime con cara fea...*) trascribímolas agrupadas en 9.1.5. *Cantidade óptima de gando*.

Ano novo, ano novo,
ano novo velo aí vén,
veña polo noso ben,
polo de vostede tamén.
Estas portas son de ouro,
aquí vive Don Antonio.
Estas portas son de papel,
aquí vive Don Manuel.
Deus lle dea tantas vacas
como no corral hai lapas. [174]

Anque túa mai me dera
vinte vacas e un becerro,
non me casaba contigo,
fuciños de porco negro. [175]

Anque túa nai che dera
unha vaca cun becerro
non me casaba contigo,
pestanas de cocho negro. [176]

Anque túa nai me dera
unha vaca i un becerro
non me casaba contigo,
fociño de porco negro. [177]

As mociñas que hai agora
xa non queren ganadeiros,
que queren a uns que traian
moi bos ranchos e diñeiros. [178]

Bon é ter moitos amigos
e que por de ben a un teñan,
pro, cando chega un aperto,
val máis sempre unha marela. [179]

Botáronme os bois,
botáronme as vacas
e rompéronme
o pote das papas. [180]

Caseime con 'cara moura'
porque tiña moito gado.
O gado foime morrendo,
'cara moura' foi quedando. [181]

Catuxiña, Catuxiña,
Catuxa, miña adourada,
heime de casar contigo
cando teña unha xugada. [182]

Creste que eres moi rica
porque teñas catro vacas
e ti o que tes son pulgas
unhas gordas i outras fracas. [183]

Creste que eres moi rica
porque tes catro vacas
e ti o que tes son pulgas
unhas gordas e outras fracas. [184]

Dices que non me queres
porque non teño facenda:
inda tu cases con outra
que seas tu quen a venda. [185]

Dios che mande o sol
que che hei dar o boi millor
e a vaca marela
e a filla con ela
e o porco ruzo

[174] CGP3:33-34. Panxoliña recollida en Castro Caldelas. XTC1:125 recolle só os catro últimos versos; no texto: *eiquí, Dios, curral*. Filgueira, en cambio, di *como no curral hai laxas* (XFV4:114). Debemos ter presente que *lapa* e *laxa* poden ser sinónimos co significado de "pedra".
[175] TCha:55. No texto: *i un*.
[176] DBP:1468. No texto: *no'me*.
[177] LimiaB:41.
[178] Lama2:92.
[179] MLP3:161. Supón que *marela*, en cursiva na nosa fonte, ten aquí o sentido de moeda de ouro. No texto: *á un teñan*.
[180] RCI:71.
[181] XAM:36, XAM2:270, VLQ2:341. No texto: *muito* (XAM); *caséime* (VLQ2).
[182] LimiaB:61, XLF3:55; localízaa en Lobeira.
[183] LimiaB:65. No texto: *Créste, tí, flacas.*
[184] VLQ2:377. No texto: *creiste, tés*.
[185] LimiaB:70: *quena*.

que anda no puzo
e o porco blanco
que anda no campo
e a galiña curupeluda
que pon os ovos prá seitura. [186]

Disme que non teño rendas
para manter o meu home,
da banda de alá do rio
doulle herba que o gando come. [187]

E véndeme os bois e véndeme as vacas
e non me vénda-la cunca das papas
véndeme a cunca e mailo cunqueiro
e non me vénda-lo meu tabaqueiro. [188]

E véndesme os bois,
e véndesme as vacas,
e non me vendes o pote das papas
e véndesme a cunca a mais o
cunqueiro,
e non me vendes o teu tabaqueiro. [189]

Eu caseime cunha vella
porque tiña moito gando.
O gando foise morrendo;
a vella foime quedando. [190]

Heiche de dar o boi branco
e maila vaca marela
e maila filla máis nova
se te non quer a máis vella. [191]

¡Mala morte mate ós mozos
que queren moita fertuna,
vacas e bois e ferrados,
e ieles, cousa ningunha! [192]

Miña mai, por me casar,
prometeume unha becerra
i ahora que me casou
díxome que lle morrera. [193]

Morreu miña avoa/ sogra
paréuno-la vaca
quedámo-los mismos
que eramos na casa. [194]

Na camisa teño pulgas,
nos calzoncillos piollos,
como teño tanto gando
ós veciños canlle os ollos. [195]

Na camisa teño pulgas,
nos calzóns teño piollos,
como teño tanto gando
ós veciños cáenlle os ollos. [196]

Na camisa teño pulgas,
nos calzós teño piollos;
cando teño tanto gando,
ós veciños canlle os ollos. [197]

O cabazo ha de ser tal
que, de furado por dentro,
ha de dar cuadra bastante
pra meter dous bois dentro. [198]

O prado de Guimeráns
de cote herbiña está dando,
por eso alí o caseiro
ten moito e lucido gando. [199]

Os de Penedo
comen o caldo acedo;

---

[186] Carb-L:133.11. VS dá unha versión algo máis ampla e igualmente enigmática: *O mal tempo logo cansa: Dios te mande o sol, que che hei de dar o boi millor, i-a vaca marela, i-a filla como ela, i-o porco ruzo que anda no puzo, i o porco branco que anda no campo, i a galiña curupeluda que pon os ovos prá seitura.*

[187] VD:290. No texto: *ala, herva*.

[188] SCHU4/2/1029. No texto: *véndem'os, véndem'as, véndem'a cunc'a mailo.*

[189] Cur:258. No texto: *vendesme, pápas.*

[190] MVN6. No texto: *c'unha*. Tamén LimiaB:80; no texto: *gado, i a vella*.

[191] LimiaB:87. No texto: *dalo, blanco, mailla filla* (sic). O lector interesado pode atopar numerosas variantes desta cantiga nos apartados 2.2.1.1. *Raza marela* e 2.2.4.4. *Outras capas*.

[192] JPBII:189.2. No texto: *Mala morte mate ôs mozos, ¡e y-eles, cousa ningunha!.*

[193] SCHU6/2/1679b. No texto: *premeteum'unha*. Tamén neste caso existen numerosas variantes desta cantiga, polo que recollemos aquí só este exemplo, podéndose consulta-la totalidade das que temos recollidas no apartado anterior 9.1.10. *Cantidade óptima de gando*.

[194] Berres2.

[195] Coto2:72.

[196] Lama2:89.

[197] VLQ2:378. No texto: *a-os*.

[198] DBP:3588.

[199] DBP:489, MVN:651. No texto: *de cot'herbiña* (DBP); *de còt'herbiña, ali* (MVN).

os de Meilás,
venden os bois
e aran cos cas;
os de Folgoso,
comen o raposo;
os de Cortegada,
comen a burra pelada
e os de Frandeira
andan arrastro
polas carreiras. [200]

Ten o meu señor abade
seis vacas e dez marraus,
coarenta e sete galiñas
unha besta e mais un galo,
tres viñas ben precuradas,
direitos, rentas, regalos
e co esta pobreza di
que vai a vida pasando:
non sei como fai, sin nada
eu corro, que xa non paso. [201]

Teño boi e teño vacas,
tamén conseguín o arado,
ao dar a primeira sega
xa me partiu o aguillado. [202]

Teño bois e teño vacas,
tamén conseguín un arado,
ao dar o primeiro rego
xa partín o aguillado. [203]

Teño carro e teño vacas
e tamén teño un arado
e unha grade para agradar
cando me fai falta. [204]

Teño carro e teño vacas,
e tamén teño un arado,
que ás rapazas de Cereo,
gústanos moito ir no carro. [205]

Teño piollos na cabeza,
pulgas por dentro do corpo,
como teño tanto gando
hanche de cae-los ollos. [206]

Teño piollos na camisa,
tamén os teño no saio,
todos me teñen envidia
porque teño moito gado. [207]

Teño pulgas na camisa,
tamén as teño no saio;
todos me teñen envidia
porque teño moito gado. [208]

Teño unha pita podeira
que pon tres ovos no día [209],
mais se me puxera catro
millor conta me faría.
Xa me daban polo pico
un sobío moi bonito,
xa me daban polo papo
unha caixa de tabaco,
xa me daban polas plumas
un cento e meio de agullas,
xa me daban polas pernas
unhas mangas ben marelas,
xa me daban polo rabo
unha besta i un cabalo,
xa me daban polo pelo
unha vaca i un becerro,
xa me daban polo fel
a filla do coronel,
xa me daban pola crista
un cabalo realista.
¡Oh, pita que tanto vales!
Heite levar ó convento
para que digan os frades:
"¡Galo fóra e pita dentro!" [210]

---

[200] RCI:161. O Penedo e Meilás son lugares da parroquia de San Xoán de Cortegada, Sarreaus, Ourense. VS recolle estoutra variante *En Vilaicente matan o ganado e aran coa xente.*
[201] An5: 7. No texto: *co-esta, vai á vida*.
[202] XLRG:35.
[203] XLRG:31.
[204] XLRG:35.
[205] XLRG:30.
[206] DBP:2787.
[207] VLQ2:376, JPBII:295.4. No texto: *n-a, n-o sayo* (JPB).
[208] DBP:3474.
[209] No texto: *dia*.
[210] LimiaB:170. No texto: *fóra*.

Teño unha vaca na corte
que me dá leite marelo,
pra ti falares comigo
*tenche o merlo pouco *vuelo.* [211]

Teste ti por boa moza
con pendentes de coral;
mellor che fora ter vacas
que bruasen no corral. [212]

Tienes una buena cara
una peluquera buena
son los becerros y vacas
que tienes en tu pradera. [213]

Tiéneste por ghrande mozo
y por ghrande cavelera
esos son os bois e vacas
que levas a tu rebera. [214]

Tiven casa, pan e gando,
pro nunca tiven goberno,
e, tras de cen fuciñadas,
ben vedes como me eu vexo. [215]

Todos tienen una suegra
yo quisiera tener dos
para ponerlas al carro
y de carretero yo
ai le la... [216]

Vendédeme os bois,
vendédeme as vacas
e non me vendades
o pote das papas.
Vendédeme o pote,
vendédeme o cunqueiro,
mais non me vendades
o meu tabaqueiro. [217]

Véndeme os bois,
véndeme as vacas
e non me vendas
a cunca das gaitas. [218]

Véndeme os bois e véndeme as vacas
e non me vénda-la cunca das papas;
véndeme a cunca e mailo cunqueiro
e no me vénda-lo meu tabaqueiro. [219]

Véndeme os bois e véndeme as vacas
e non me vendas a cunca das papas.
Véndeme o pote e mailo cunqueiro
e non me vendas o meu tabaqueiro. [220]

Véndeme os bois e véndeme as vacas
e non me vénda-lo pote das papas
véndeme as concas e mais el cunqueiro
e non me vendas el miu tabaqueiro. [221]

Véndeme os bois e véndeme as vacas
e non me vendas o pote das papas,
que, se mo vendes e mo empeñas,
á miña casa non quero que veñas.
Véndeme a cunca e mais o cunqueiro
e non me vendas o meu tabaqueiro. [222]

Véndeme os bois - e véndeme as vacas
e non me vendas - o pote das papas;
que, se mo vendes - ou se mo empeñas,
á miña casa - non quero que veñas.
Véndeme as cuncas - e mailo cunqueiro,
e non me vendas - o meu tabaqueiro;
que, se mo vendes - ou se mo empeñas,
á miña casa - non quero que veñas. [223]

---

[211] Lama2:131.

[212] JPBII:66.59. No texto: *Tèste*, *n-o*.

[213] SCHU5/2/199bis2. Parte dun parrafeo recollido, en castelán, en Arzúa. O mozo aludía así á fermosa trenza de pelo que tiña ela, *coma quen que non tiña máis nada de bo*, explicaba a moza.

[214] SCHU6/2/1600.

[215] MLP3:197. No texto: *cómo m'eu vexo*.

[216] SCHU6/2/1438.

[217] AGA:68.

[218] Morei:261: V*éndemos, véndemas; gaitas* no barallete significa *papas*. AGA:68.

[219] Zolle:231; no texto: *Béndem'os bois, béndem'as bacas, bénda-la cunca, béndem'a cunca, ma-lo, bénda-lo meu.*

[220] AGA:69.

[221] SCHU1/2/328. No texto: *véndem'os bois, véndem'as vacas, véndem'as concas.*

[222] Capela.:126.

[223] MRV:51, JASA:194, DBP:2689. Rico Verea dá só a primeira cuarteta; consideramos mellor medido o terceiro verso na versión de Saco y Arce e por iso o refacemos. MRV: *non me vénda-lo pote*. JASA: *Véndem'os bois - e véndem'as vacas/e no'me vendas - o pote d'as papas;/que si m'o vendes - ou m'o empeñas,/a miña casa - non quero que veñas./Véndem'as cuncas - e mail-o cunqueiro,/e no'me vendas - o meu tabaqueiro;/que si m'o vendes - ou m'o empeñas,/a miña casa - non quero que veñas*. DBP: *Véndem'os, véndem'as, no'me, mo empeñas*.

Véndeme os bois - e véndeme as vacas
e non me vendas - o pote das papas.
Véndeme as cuncas - e mailo cunqueiro
e non me vendas - o meu tabaqueiro. [224]

Véndeme os bois e véndeme as vacas
e non me vendas o pote das papas.
Véndeme o pote e máis o cunqueiro
e non me vendas o meu tabaqueiro. [225]

Véndeme os bois e véndeme as vacas
mais non me vendas o pote das papas,
e se o vendes e que te empeñas
á miña cas non quero que veñas. [226]

Véndeme os bois e véndeme o carro
e non me vendas o 'con que me amaño',
e, si mo vendes e si mo empeñas,
á miña casa non quero que veñas,
e, si mo vendes, por un pouquiño
véndemo logo cun vaso de viño. [227]

Véndeme os bois e véndeme o carro
e non me vendas o 'con-que-amaño'
véndeme a cunca e mailo conqueiro
e non me vendas o meu tabaqueiro
e si mo vendes e si mo empeñas
á miña casa non quero que veñas
e si mo vendes por un pouquiño
véndemo logo cun vaso de viño. [228]

Véndenme os bois e véndenme as vacas
i hastra me venden o pote das papas.
Véndenme a cunca amáis o cunqueiro
i hastra me venden o meu tabaqueiro. [229]

Vendéronme os bois,
vendéronme as vacas,
o pote do caldo
e a cunca das papas. [230]

Vinde acá mulleres
rapaces e todo
vinde ver o dote
que me deu meu sogro.
Unha cabra cega
un cabrito coxo
unha vaca vella
e un becerro mono,
unha manta vella
cun remendo novo
unha arca chea
de pan de centeno
unha porca grande
e un porco pequeno. [231]

Xa me daban o boi pinto
fillo da vaca marela,
se me caso cunha filla
nacida na nosa terra. [232]

Yo no tengo bois ni vacas,
nin cousa que se me pierda
tengo mi cuerpo soltero
"Majito, ¡vaite a la mierda!" [233]

Tamén o carro representa un signo externo de riqueza: non abonda con ter vacas e bois senón que cómpre ter tamén un carro para carrexa-las colleitas, a leña, a pedra. Por iso nas cantigas recórrese á súa propiedade para convence-las mozas e satirízase a pobreza das aldeas veciñas do xeito que se verá nas cantigas e refráns. Aínda máis, o carro converteuse en unidade de medida co valor de 'moito, moita cantidade': algunhas colleitas mídense por carros, como as de herba ou as patacas. A leña, cando se fai o carreto das cortas de carballo ou castiñeiro para o inverno, táxase igualmente por carros.

[224] No texto: *Véndem'os, véndem'as, pote d'as, e mais o, vendas o* (JPBI:141.20); *Véndeme a cunca e mailo cunqueiro* (AGA:68), *véndeme as cuncas e máis o cunqueiro* (AGA:69).

[225] AGA:68.

[226] VD:331.

[227] JPBII:210.39. No texto: *Véndem'os bois e véndem'o, n-o me, e si m'o vendes e si m'o empeñas, â, m'o, véndem'o logo c'un vaso de viño.*

[228] AGA:69, VIÑO2:28, SCHU6/2/1174. No texto: *conca, a miña, véndemol logo* (sic) (SCHU).

[229] Esta cantiga serve de introdución á poesía "A loita pola patria", de MLG. E tamén a glosa Rosalía de Castro no poema *Pra A Habana* que empeza así: *Vendéronll'os bois, / vendéronll'as vacas, / o pote do caldo / i a manta da cama. / Vendéronll'o carro / i as leiras que tiña; / deixárono soio / coa roupa vestida.*

[230] AGA:69.

[231] Coto2:107.

[232] Rois:95. Barreiro (Hermedelo, Rois, A Coruña).

[233] Morei:413. En castrapo con evidente intención satírica.

Casa conmigo meniña
que che teño moita vida
téñoche o carro ferrado,
xúngoche os bois á molida. [234]

Cásate conmigo nena
que che teño moita vida
téñoche o carro ferrado,
xúngoche os bois á molida. [235]

Na aldea de Palavea
non entra carro ferrado
sinón o de Martiñán
cunha porca polo rabo. [236]

Niste lugar de Facós
non entra carro ferrado
se non o trae o Manoel
co burriño polo rabo. [237]

No lugar de Fradalvite
non entra carro ferrado
se non o trai Elisiña
co burriño polo rabo. [238]

O impostor [239]

Dunha vez era un home que…, faghíase cegho e non era. E traía un lazarillo co il. E foron pedir a unha casa. E entonces foille a pedir limorna; e foille a muller buscar a limorna, pero quedou o home —que iles non o viron— quedaba alí. E entonces, en canto a muller foi, díxolle il ó lazarillo:

-*¡Ai, ho! Nesta casa sonche ricos, que che teñen catro carros de xughos de bois, pero nós aínda che temos máis, que che temos seis.*

E foi o home, que oíu aquelo, e colleu un estadullo dun carro e meteulle unha malla canto pudo. E por supuesto escaparon ó que puderon.

Despois pasou un tempo, se cadra un mes ou dous. E daquela íbase a pé pras feiras e aquil home foi a unha feira e quedouse nunha pensión no camiño. E despois, cando xa pediu posada e estaba alí, viu o home que mallara il. E entonces dixo:

- *¡Ai, pobre de min, onde me metín!*

E il tamén o conoceu e díxolle ó fillo:

- *Ise é o que me mallou.*

Entonces il, así que o viu, dixo:

- *Bueno, pois seica me vou ir, que vou a outra pensión máis adiante porque aínda me queda camiño.*

E díxolle o fillo:

- *¡No, usté de aquí non se vai!*

- *¿E logho?*

Dixo:

- *¡No, usté non se vai d'aquí!*

E dixo il:*¡Ai, estou perdido! ¡A min hoxe mátanme aquí!*

Pero, claro que non se iba, e o home quedouse.

E despois comeu e fixéronlle a cena e cenou. E despois díxolle cánto era.

E díxolle o fillo:

- *Usté aquí non pagha nada. Non pagha nada porque nós anduvemos toda a vida luchando para que o meu pai non anduvera pedindo e nunca o conseghimos. E usté coa malla que lle dou conseghiuno. Así que usté aquí non vai paghar nada.*

Así que parece que á xente, pra a educar, que hai que mallala, que senón polas boas non aprende.

---

[234] SCHU6/2/1734a. No texto: *téñoch'o, xúngoch'os.*

[235] SCHU6/2/1734b. No texto: *téñoch'o, xúngoch'or.*

[236] LimiaB:247, XLF3:52. No texto: *sinon* (XLF3). Procedente de Aranga, A Coruña.

[237] LimiaB:107, XLF3:52. No texto: *nono* (LimiaB, XLF3). Localízao en Lobeira.

[238] LimiaB:109, XLF3:52. Fradalvite é "lugar da parroquia de San Martiño de Grou" (LimiaB:289) pero no Nomenclátor actual figura como da parroquia de San Trocado de Santa Comba pero esta é unha desas parroquias divididas polo límite de dous concellos (Lobeira e Bande): aínda así, no medio de san Martiño e San Trocado está Santa Cruz de Grou. No texto: *nono* (LimiaB, XLF3). Xaquín Lorenzo explica: *Alusión á pobreza diste lugar: a falla de gado non permete xunguir o carro pra levar e traguer as cousas.*

[239] CNC:263-264. Recollido en Louredo, Maside, Ourense, de Mª Carme Vázquez Benítez, de 76 anos de idade en 1999.

Dúas xatas por unha vida [240]

DELIRABA	*FEIRANTES*
Era o tio Xacobe d'a Petada, un home de bo acomodo e moi cazurro, como bo gallego, cualidás as duas que lle valeron, n-outro tempo, o ser levado ó Untamento pol-o apreceo en qu'o tiña o cacique don Guansarito, por mal nome o *Barrabás*. Pro a gula, que xa denantes de ser concexal o dominaba un pouquiño, fixo d'il despoixas un verdadeiro larpeiro hastr'o punto de que nunca se vía farto de comer.	Era o tío Martiño de Alba un home de bo acomodo e moi cazurro, como bo labrego, cualidás as duas que lle valeron, n-outro tempo, o ser levado ao Concello pol-o aprecio en que o tiña o cacique don Xenserico, por mal nome o Barrabás. Pro a gula, que xa de denantes de ser concexal o dominaba un pouquiño, fixo de íl dispoixas un verdadeiro larpeiro ata o punto de que endexamais se vía farto de comer.
Como os lugares mais a xeito pr'as suas esmorgas eran as festas y-as feiras, iba a todas elas c'a puntualidá d'un axente de consumos.	Como os lugares máis a xeito pra as suas esmorgas eran as festas e as feiras, iba a todas elas coa puntualidade dun axente executivo.
Celebrábase a renombrada feira de Carricobo e dito está que a ela non podía faltar o noso tio Xacobe que, c'o pretesto de mercar duas xatas, aló se zampou en menos que se di.	Celebrábase a sonada feira de Pontevedra e dito está que a ela non podía faltar o noso tío Martiño que, co pretexto de mercar duas xatas, aló se zampou en menos que se dí.
Tod'o mundo sabe qu'a nombradía d'a feira de Carricobo débella, tanto com'ás moitas transaciós que n-ela se fan, á sabrosísima vitela qu'elí se come e qu'o diaño leve s'hai outra igoal n-o mundo.	Todo o mundo sabe que a nombradía da feira de Pontevedra débella, tanto como as moitas transaciós que n-ela se fan, a sabrosísima empanada de raxo que alí se come e que o diaño leve si hai outra igual no mundo.
Despois que o tio Xacobe fixo a merca d'as becerras y-andivo partindo difrencias antr'outros viciños que non s'entendían, chegou a hora de xantar, e n-a compaña de dous d'iles, Ausebio y-Alifonso, dirixíronse a facel-a provisión nacesaria. Un bo plato de vitela, outro de pulpo, unhas sardiñas e pan de Cea, foi o *menú* d'aquela esmorga abundantemente mollada pol-o viño d'a Congostra.	Despois que o tío Martiño fixo a merca das becerras e andivo partindo diferencias entre os veciños que non se enxerguían, chegou a hora de xantar e na compaña de duos diles, Cibrao e Alifonso, dirixíronse a facel-a provisión necesaria. Un bon plato de empanada, outro de pulpo, unhas sardiñas e pan de Santiago, foi o menú de aquela esmorga abundantemente mollada polo viño espadeiro.
Xantou o tio Xacobe como tiña por costuma facelo, o que é igoal a dicir que tomou unha enchenta, y-acabad'o xantar emprenderon o regreso cara Penapetada, facendo estaciós n-as capillas qu'atopaban n-o camiño e d'as qu'eran grandes devotos.	Xantou o tío Martiño como tiña por costume facelo, o que é igual a decir que tomou unha enchenta, e acabado o xantar emprenderon a volta cara Alba, facendo estaciós nas capelas do Ribeiro que atopaban no camiño e das que eran grandes devotos.
Xa a noite estaba ben entrada cando o tio Xacobe fixo a sua pol-a casa adiante, e unha vez acomodado o gando, rubiu pra se meter n-o leito; pois fose qu'o xantar lle sentou mal, ou qu'o estámego xa non estaba pro enchentas, o caso é qu'o noso home comenzou a sentir grandes delores que o facían reborcallar n-o leito.	Xa a noite estaba ben entrada cando o tío Martiño fixo a sua pola casa adiante, e unha ves acomodado o gando, rubiu pra se meter no leito, pois fose que o xantar lle sentou mal, ou que o calleiro xa non estaba pra enchentas, o caso é que o noso home comenzou a sentir grandes delores que o facían reborcallar no leito.
Asustada a parenta foi en busca d'o médeco d'o lugar y-o pouco tempo xa D. Xosé que asi se nomeaba, estaba preto d'o doente e percuraba calmalo.	Asustada a parenta foi na precura do manciñeiro do lugar e ao pouco tempo xa don Bieito, que así se nomeaba, estaba preto do doente e percuraba calmalo.

[240] O mesmo texto do mesmo autor, Ramón e Fernández Oxea, con títulos, contido e sinaturas diferentes, publicado un en 1918: *Deliraba* (asinado como *Xan Fouciño* -XF:4-5) e outro en 1947: *Feirantes* (asinado como *José Ramón y Fernández* –JRF).

Entr'o médeco y-o enfermo, que sempre tivera moito medo a morrer, entablouse o siguente diálogo:

-¡Ai D. Xosé, sálveme qu'eu morro!
-Que has morrer, hom, que has morrer.
-Morro, santiño, morro.
-Se non e nada o que tés.
-¡Pol-os seus defuntiños, sálveme, D. Xosé, que ll'hei regalar duas xatiñas que merquei hoxe!

Unha vez que logrou calmalo e despoixas de lle dicir á parenta o que tiña que facer, foise o médeco sin lle dar importancea ó que o enfermo ll'había dito.

Xa estaba sano o Tio Xacobe e non parecía lembrarse d'a promesa d'as xatas, cando vindo un día D.Xosé pol-a vereda viuno que s'atopaba facendo a sementeira d'o pan n-unha leira d'a sua propiedá. Ver o médeco as vacas que turraban d'o arado e vírselle as mentes a oferta d'o tio Xacobe foi obra d'un istante, e dicindo pra sí: vou ver que mamoria ten o tio Xacobe, dirixiuse a il:

-Ou tio Xacobe, ¿il isas vacas son aquelas xatas que m'ofreceu cando estivo enfermo?
-¡Que maliño estiven D. Xosé! ¡¡Como deliraba!! respondeulle o tio Xacobe sen se dar por aludido.

Entre o menciñeiro e o doente, que tivera de cote moito medo a morrer, entablouse o seguiente diálogo:

-¡Ai, don Bieito, sálveme que eu morro!
-Que has de morrer, hom, que has de morrer.
-Morro, santiño, morro.
-Si non é ren o que tés.
-¡Polos seus difuntiños, sálveme, don Bieito, que lle hei de regalar duas xatiñas que merquei hoxe!

Unha vegada que logrou calmalo e despois de lle decir a parenta o que tiña que faguer, foise o manciñeiro sin lle dar importancia ao que o doente lle había dito.

Xa estaba san o tío Martiño e non parecía lembrarse da promesa das xatas, cando vindo un día don Bieito pola vereda viuno que se atopaba facendo a sementeira do pan nunha leira da sua propiedade. Ver o menciñeiro as vacas que turraban do arado e vírselle as mentes a oferta do tío Martiño foi obra dun instante, e dicindo pra sí: *-Vou ver que memoria ten o tío Martiño, e dirixíuse a íl:*

-¡Ou tío Martiño!, ¿il esas vacas son aquelas xatas que me ofreceu cando estivo doente?
-¡Qué maliño estiven, don Bieito! ¡¡Cómo deliraba!!, -respondeulle o tío Martiño sin se dar por aludido.

A vaca dos dous irmaus e o avogado Don Crispín [241]

Nun pobo había un home que tiña dous fillos. Este, ao morrer, deixóulles unha vaca para os dous. O máis vello dixo que a vaca lle correspondía casi toda a el, porque coidara máis ao pai. Entonces foise o máis novo a xunto dun avogado [242] que se chamaba Don Crispín. Este [243] díxolle que lle correspondía máis a el, porque era o máis novo.

Pero, ao outro día, foi tamén a xunto de Don Crispín o máis vello, ao que lle dixo que lle correspondía a el casi toda, porque era o máis vello.

Mais a muller de Don Crispín, que oíra [244] todo, díxolle ao home:

- ¿E tu non ves que se van matar por culpa da vaca?

Ao que lle contestou [245] il:

-¡Que boba eres! ¿Non ves que a vaca xa é túa?

O preito da vaca [246]

Isto eran dous paisanos que levaban tempo preiteando por unha vaca. En certo día, un deles foi xunto do avogado para interesarse como lle ía o caso, e díxolle ó avogado:

- Señor avogado, veño xunto de vostede para saber como vai a cousa, xa que pasou moito tempo sen ter novas.

---

[241] FINGOI: 139. No texto: *irmáus, abogado*.
[242] No texto: *abogado*.
[243] No texto: *Éste*.
[244] No texto: *oira*.
[245] No texto: *contestóu*.
[246] Pentes4.

- Vostede estea tranquilo, home. Non se preocupe. Hai que seguir loitando. Vostede vai gaña-lo preito; a vaca vai ser súa.

O home despediuse do avogado e marchou todo convencido.

A outra parte que preiteaba pola vaca non tardou en visitar tamén o avogado, preguntándolle:

- Señor avogado, veño xunto de vostede para saber que novas hai sobre o preito da vaca.

- Non se preocupe, non se preocupe, as cousas van despacio pero o caso vai ben. Hai que seguir loitando, ó fin a vaca vai ser súa –dixo o avogado.

E, en canto saíu do despacho este último, o axudante do avogado dixo, todo sorprendido:

- ¿E ló como lle dixeches ós dous o mesmo, que ían gañar os dous o preito?

- ¡Ah, tolo, a vaca non vai ser de ningún dos dous, a vaca vai ser miña!

9.2.2. Labrador que non ten gando

9999 **ameador** *s.m.* Cada unha das persoas que posúen a medias unha xunta. (Pes.).

10000 **bodegueiro** *s.m.* Labrego que non ten gando vacún. (Burón, Cab., Ced., Vala.).

10001 **cabaneiro 1** *s.m.* Labrego cunha única vaca, que a presta a outro para formar xugada ou pide a outro para formala el. (ERQ2).

10002 **camareiro** *s.m.* Persoa pobre que non ten gando maior, principalmente unha vaca. Adoita ter algunha ovella, cabra ou outro animal menor, e sae a traballar a casas máis ricas. A casa, inda que humilde, moitas veces de planta baixa, é da súa propiedade. Valladares no inédito que é posible consultar no *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina engade isto: *Adición: El que, sin yunta ni carro, vive en una choza*. (Arcos).

10003 **caseiro** *s.m.* Xornaleiro que coida unha propiedade rural allea (terras e gando) pero con dereito a usufrutuar unha casa desa propiedade. (Común).

10004 **caseteiro** *s.m.* Labrego que non posúe gando vacún e traballa a xornal. ERG define *caseteiro* como "aldeano que vive en una *casa terreña* y no tiene más recursos que el pequeño jornal que gana cuando trabaja: BODEGUEIRO.// Pastor que cuida un rebaño de ganado lanar y cabrío, mediante una parte del valor de las reses o crías vendidas y de las lanas esquilmadas [sic], viviendo en una casa rústica". Mariño Ferro recolle a voz *caseiro* para designar a este pobre labrego: *Á persoa que colle á parcería un lugar, é dicir, unha explotación, chámaselle 'caseiro' porque o dono das terras ten que darlle, ademais destas, unha casa* (XRMF1:82). Máis adiante fala dos *caseteiros*, distintos dos *caseiros* porque eles si que teñen casa propia: *Hai tamén algunhas persoas, non moitas, que só teñen unha casa, en malas condicións, e poucas terras e escasos animais. Son os 'caseteiros'. Para contribuir ó sustento soen traballar para os propietarios con máis terras nos momentos de máxima actividade* (XRMF1:83). (Com1, Dum., Gui., Gun., Laxe, Nove., San., SComba, Sob., Toba, XRMF1).

10005 **pegulleiro** *s.m.* Labrego que ten pouco gando e pouco traballo de sementeira. (ERG, LG).

10006 **xaloeiro** *s.m.* Ver XALOREIRO /10007. (LG).

10007 **xaloreiro** *s.m.* Labrego que non ten gando vacún. (Com1).

10008 **tornaboi** *s.comp.m.* Sistema de axuda entre veciños que só teñen unha cabeza de gando e que a emprestan un ó outro para faceren a xugada. IR escribe *torna boi*. (IR, LG).

10009 **tornavaca** *s.comp.m.* Ver TORNABOI /10008. IR escribe *torna vaca*. (IR).

Ao que ten poucos bois, antóxanselle os chocallos. (VLLM:1,130) [247]
Ben pobre é o que conta o seu gado. (VLLM:2,82) [248]
Chouco, chouco, chouco, os chocallos meus e as vaquiñas/os bois doutro. (VLLM:1,139) [249]
Labrego sin gado vive sempre empeñado. (EGE:57)

[247] Llópiz: *se lle antoxan*; recólleo en Nespereira de G. Rodríguez.
[248] Llópiz recólleo no Páramo (Sarria).
[249] Llópiz: *de outro*; recólleo de María Victoria Llópiz (*Nueva rebusca...* 1954).

O que non ten boi nin cabra, toda a noite ara. (VS)
O que non ten boi nin cabra, toda a noite labra. (VS)
Quen non ten boi nin cabra, toda a noite labra. (ANV1:104; XTC4; ZM:212; VS) [250]
O que non ten boi nin vaca, toda a noite ara. (ERG:boi; VS) [251]
O que non ten bois, antes ou despois. (XTC4) [252]
O que non ten bois, ou antes ou despois. (Grou; RCI:117)
O que non ten bois, ten que arar antes ou despois. (VS) [253]
O que non ten carro e bois, ou anda antes ou anda dispois. (ZM:179) [254]
O que non ten carro nin bois, anda antes ou despois. (ERG:carro; EAG:24; MVN2:99; VS) [255]
O que non ten carro nin bois, anda denantes ou andará despois. (XLF2:54)
O que non ten carro nin bois, ou anda antes ou anda dispois. (ERG:carro) [256]
O que non ten carro nin bois, ou anda antes ou dispois (VLLM:1,149) [257]
O que non ten carro nin bois, ten que andar antes ou dispois. (VS) [258]
O que non ten carro, anda antes ou anda despois. (XLF3:61) [259]
O que non ten vaca nin bois nin tampouco ten muller, xungue cando lle dá a gana e ceiba cando quer. (VS) [260]
O que non ten vacas nin bois, ou antes ou despois. (SCD:66, VS4) [261]
Quen non ten bois nin vacas, durmindo ara e, ao acordar, non arou nada. (VLLM:1,152) [262]
Quen non ten bois, antes ou dispois. (VLLM:1,152) [263]
Quen non ten bois, labra primeiro ou labra despois. (VLLM:1,152) [264]
Quen non ten bois, ou antes ou despois. (XTC4)
Quen non ten bois, ou ara/labra antes ou ara dempois. (VLLM:1,152)
Quen non ten nin boi nin vaca, durmindo ara. (VLLM:1,152) [265]
Quen non ten nin bois nin vacas, entre sonos ara e, cando disperta, herbas ten na leira. (VLLM:1,152) [266]
Quen non ten vacas nin bois, ou antes ou despois. (XTC4)
O que perde un boi e encontra un corno, non o perde todo. (VS) [267]

---

[250] No texto: *tod'a* (ANV1 e XTC); *"toda a noite, labra"* (ZM). Poida que *cabra* sexa un erro por *vaca*, pero lembremos aqueloutro rf. de Llópiz: *O que non teña pra unha vaca, merque unha cabra* (VLLM:1,149), no que cita o francés *La chèvre est la vache des pauvres.* A E. Espasa comenta: *el que es demasiado pobre siempre está con desvelo y afán de ganarse la vida.*

[251] ERG: *tèn*. Vázquez Saco comenta que *destaca el desvelo y preocupación que produce el no tener los medios necesarios para lograr un fin*, e ofrece as sequintes equivalencias: P.: *Quen não tem boi nem vaca, toda a noite ara* (Chaves); E.: *Quien no tiene buey ni vaca, toda la noche ara; y a la mañana no tiene nada* (H. Núñez); *El que no tiene buey ni cabra, toda la noche ara* (Sbarbi).

[252] Porque, di Taboada Chivite, ten que facer a laboura non cando quere senón cando alguén llo empreste, é dicir, que quen depende doutro tense que se axeitar ás comenencias alleas.

[253] No texto: *qu'arar*.

[254] No texto: *dispóis*.

[255] No texto: *O quen non* (sic) (EAG); *tén, despóis* (MVN). VS comenta que *Al carecer de cosas necesarias, ha de hacer los trabajos, cuando no es tiempo ni sazón.*

[256] ERG: *tèn*.

[257] Llópiz recólleo de E. Álvarez Giménez (*Refranero Agrícola y Metereológico,* sic), que realmente di *despois* (p. 24).

[258] No texto: *qu'andar*. VS comenta: *El que no tiene carro ni bueyes (u otro servicio cualquiera), tiene que pedirlos prestados antes o después de haberse servido el dueño de ellos*.

[259] Localízao nas Mariñas e explica que *La pobreza es una calamidad que proporciona una serie de trabajos que de otro modo serían innecesarios.*

[260] Este refrán é un eloxio da pobreza que ten contrapartida dunha enorme liberdade e do gozo da compaixón allea, que acaba resolvendo os problemas básicos. Nótese a estrutura que lembra a cantiga que copiamos máis adiante *O que non ten bois nin carro...*

[261] VS4 explícao así: *Tiene que sembrar antes o después*. SCD (que escribe *o antes o despois*) comenta o seguinte: *Alude a la gente que bajaba a las ferias y no traía ganado para vender, ni tampoco lo pensaba comprar, podía irse para casa cuando le apeteciese*.

[262] Llópiz explica que *acordar* é despertar dun letargo ou sono.

[263] Por refráns semellantes suponse que o verbo elíptico é *ara*; explícao Llópiz dicindo que ten que pedir emprestada a xugada a quen a teña e, así, ara antes del ou despois del. Recólleo de E. Carré e de Saco y Arce.

[264] Llópiz recólleo dun *Refranero de Mondoñedo*; di que cadra co cast.: *Quien no tiene buey, o ara antes o ara después*.

[265] Llópiz recólleo de R. Bahamonde.

[266] Llópiz recólleo en Ferrol do prof. Manuel Masdías.

[267] VS ofrece o seguinte paralelo que recolle de R. Marín: *Quien pierde un buey y se encuentra un gato, no pierde tanto*. No texto: *non-o.*

O que perde un boi e encontra un corvo non perdeu todo. (XTC4) [268]
O que perdeu un boi e atopou un xato, xa non perdeu tanto. (VLLM:1,149) [269]
Quen perde o boi e atopa o chocallo, xa non perdiu tanto. (VLLM:1,152)
Un labrego sin gando é como un home sin as súas partes. (Tebra2) [270]

A miña sogra sanou
i en troques morreume a vaca;
tras dun pobre sempre a morte
anda ca fouce amolada. [271]

¡Ai! A miña sogra sanou,
en troques morreume a vaca.
Tras do pobre hastra a morte
sega a boa e deixa a mala. [272]

Dices que non me queres
porque non teño facenda:
inda tu cases con outra
que seas tu quen a venda. [273]

O labrador sen arado
fraco labrador che é:
por moito que sache a terra
pouca colleita ha de ter. [274]

O que non ten bois, nin carro,
nin arado nin muller,
non come cando ten fame
nin vai arar cando quer. [275]

Os bois i o carro perdeches,
¡foiche de tanto beber!
¡Mal lle vai á cabezalla
se a chavella se perder! [276]

9.2.3. Dereito gandeiro

Na vida rural galega existiron dende sempre numerosas normas sociais non escritas que regulaban as relacións dos veciños, moitas veces sen que existisen as normas legais correspondentes, ben porque o dereito civil as ignoraba -o que foi causa de frecuentes problemas na vida cotiá-, ben porque a sociedade rural prefería organizarse ó seu modo e de acordo a tradicións seculares froito da idiosincracia particular de cada zona.

En ERG, s.v. *consuetudinario*, pódese atopar unha comprida relación destas fórmulas xurídicas non escritas, pero para profundizar neste tema aconsellámo-la lectura de "Aspectos del derecho y sociedad en la Galicia actual a la luz de la etnografía 'jurídica'", de M.M. Rodríguez Martínez (MMR) e, sobre todo, o libro *Arqueología jurídico-consuetudinaria-económica de la región gallega*, de Alfredo García Ramos (AGR).

A cría do gando non foi allea a estas normas consuetudinarias, moitas delas xa desaparecidas, que regulaban diferentes situacións como a parcería (da que falaremos no apartado 9.11.6.1.), o seguro do gando, o trato, etc.

[268] Esperabamos *corno,* porque os paralelos falan de atopar algo en triste compensación do boi perdido (un chocallo, unha albarda ou un xato), pero Taboada Chivite, que seguramente tamén o esperaba, escribe claramente *corvo* e, polo tanto, *lectio difficilior praeferenda*. Igualmente, *Quen perde o burro e atopa a albarda, eso gana* (ERG:burro) ou *O que perde o burro e atopa a albarda, xa non sofre perda tanta* (ZM:180).

[269] Llópiz recólleo, co seguinte, na Pastoriza.

[270] Franco Grande explícao así: *É craro que en tempos máis recuados, unha vaca era tamén o millor que se tiña, despois da familia. A cousa é tan crara que está moi ben expresado no noso refrán: 'Un labrego sin gando é como un home sin as súas partes'*, *dispensando* (Tebra2:30).

[271] LimiaB:37, XAM:44. No texto: *trás, de un, xempre* (LimiaB); *sanóu, morréume, xempre* (XAM). Lis Quibén recolle esta variante: *A miña sogra sanóu/ y en Troques* (sic) *morreume o porco,/ tras do pobre sempre o demo/ anda co rabo retorto* (VLQ2:379). E Xaquín Lorenzo cita tamén esta copla castelá: *Mi mujer y mi caballo/ se me murieron a un tiempo;/ ¡que mujer ni que demonio,/ mi caballo es lo que siento*.

[272] MV91:38. No texto: *entroques*.

[273] LimiaB:70: *quena*.

[274] LimiaB:118.

[275] JPBII:176.48, XAM:27, XAM2:183.

[276] VIÑO2:37, JPBIII:220.1, XLF3. No texto: *O boi y o carro, perdeche, â cabezalla, s'a chavella* (JPB); *perdeche* (VIÑO). A segunda parte desta cantiga témola como refrán: *Mal lle vai á cabezalla cando a chavella se perde* (ERG:cabezalla). Ballesteros localízaa en Elviña (A Coruña).

9.2.3.1. Impostos, trabucos

10010 **asadura 2** *s.f.* Imposto antigo de algúns feudais sobre o gando que pasaba polas terras deles, a razón dunha cabeza por rabaño. (ERG, MVN).

10011 **avinza 3** *s.f.* Dezmo de gando. (ERG).

10012 **franco** *s.m. Ú. m. en pl.* Serventía que teñen tódalas propiedades que estreman cos ríos para paso de pescadores e gando. (ERG).

10013 **loitosa** *s.f.* Tributo feudal que se pagaba ó señor en caso da morte do vasalo. Adoitaba consistir en cabezas de gando. En XER lemos que o señor tiña dereito a recibir *a mellor cousa de catro pés* ou *o mellor que quedar* da familia do colono en caso de morte deste. (ERG, XER).

10014 **luctuosa** *s.f.* Ver LOITOSA /10013. (JMP).

10015 **montádego** *s.m.* Tributo que se pagaba polo paso do gando. (ERG).

10016 **cobrar pontasgo** *loc. v.* Cobrar unha taxa por permiti-lo paso do gando ou dos carros por certas pontes de propiedade privada. (Parade.).

9.2.3.1.1. Imposto sobre os roxelos e outros froitos do gando

En tempos os cristiáns ofrecían á Igrexa o dezmo do valor dos seus ingresos [278]. De aí institucionalizou a Igrexa o dezmo que resultou ser obrigatorio. Os nosos trasavós do século XVI buscaron a maneira de evadiren este imposto fiscal aducindo que dezmar en certos días producía a morte do resto da facenda. Era unha inxeniosa aplicación da maxia simpática que de feito regula boa parte das crenzas da medicina popular galega. Pero a Igrexa non convalidou tal crenza que anatematizou chatándoa de "mourisca" [279]. Aconteceu na diocese de Mondoñedo en 1541.

9.2.3.2. Seguros de gando

Na Galicia tradicional o gando non estaba asegurado, a pesar de que a morte dun boi ou dunha vaca ou simplemente unha enfermidade que lle impedise ó animal producir ou traballar representaban non só unha perda considerable para a economía familiar senón tamén unha certa paralización da actividade que dependía moito do leite, do traballo no arado e no carreto e tamén do esterco destes animais. Cando se producía unha perda (ou un embargo) era moi frecuente que os veciños solidariamente fixesen unha colecta para *axudar á perda* (Barro, Ctel1). Era unha solución espontánea que asentaba nun costume non escrito.

Tempo andando, a conciencia agrarista, por veces impulsada polo clero [280], foi formulando diferentes tipos de seguro gandeiro mutuo (precedente dos seguros actuais [281]) nas que tódolos veciños da parroquia contribuían, cunha cantidade proporcional ó gando que posuía cada quen, a cubri-las perdas que sufrise un dos seus membros.

> *Para casos de morte existen en moitas parroquias sociedades de seguros do gando coñecidas co nome de obrigas ou contratas (contrata chámanlle na zona de Caldas de Reis; obriga en Castrofeito, Xavestre e, en xeral, na provincia da Coruña). Hai obrigas que aseguran vacas, bois, becerros e incluso cabalos, como sucede en Castrofeito; outras aseguran só vacas ou só bois. A maioría son de ámbito parroquial e nelas intégranse voluntariamente os veciños que o desexan, asegurando a totalidade ou parte dos seus animais. Pero tamén as hai de ámbito municipal [282].*

---

[278] Nos Feitos dos Apóstolos cóntase que no inicio o comunismo era radical: 2,[44]*Tódolos crentes vivían unidos e tiñan todo en común*; [45]*vendían os seus bens e propiedades, e repartíanos entre eles, conforme ás necesidade de cada un.* Posteriormente a xenerosidade evoluíu a entregar unha décima parte (*dezmos*), tal como era costume para sustenta-la tribu de Leví, que tiña prohibido ter propiedades. Ver Deut 26,12-13; Mt 23,23; Hebr 7,17.

[279] *Item nos consto por la visita que muchas personas, assi hombres como mugeres, tienen en costumbre no diezmar a Dios roxelos ni otros ganados los dias del lunes y del viernes, teniendo creido que moriran los que quedan, si aquellos se diezman; y como esto sea supersticion morisca, anathematizamos y descomulgamos a todos los que tal hazen, so pena que a el que tal se atreviere a hazer, pague mil maravedis y haga una penitencia publica en la missa maior, un dia de fiesta* (AGG: Mondoñedo 22, 15; p. 76).

[280] Pensamos en Basilio Álvarez (1877-1943), moi activo por terras de Ourense, e en Celestino García Romero (1855-1929) na zona de Boiro.

[281] Segundo datos da Consellería de Agricultura referidos a 1997, o número de cabezas de gando incluídas en pólizas de seguro era de 45.934 reses, observándose unha progresiva redución comparado a anos anteriores (*La Voz de Galicia* 5.03.2000). Tanto o Ministerio de Agricultura como a Consellería de Medio Rural teñen establecidas diferentes subvencións para seguros de accidentes, de complicacións no parto, de diversas enfermidades (febre aftosa, mamite, carbuncho, meteorismo etc.) ou por sacrificio obrigatorio no transcurso das campañas de saneamento gandeiro, así como para afronta-los gastos da retirada e destrución dos animais mortos na explotación.

[282] XRMF4: 90.

Xaquín Lorenzo recolle, sen localizar, un costume semellante no que se enmascara esta axuda ó veciño que perde un animal:

> *Se algunha vaca, boi, xato, etc., se desgracia no monte, xeralmente por se crebar unha pata, mátano de contado e venden a carne ós veciños, quenes lla mercan non soio pola carne en si, senón tamén pra axudar ó vendedor a compensal-a perda sofrida* (XLF:302).

Deste xeito, entre crítico e fatalista, anunciaban no xornal *O Tío Marcos d'a Portela* o nacemento en Caldas de Reis dunha destas sociedade de seguros hai xa máis de cen anos [283]:

> *En Caldas de Reis estabreceuse unha sociedade pr'asegurar o gando.*
>
> *Como cando morre unha vaca solasmentres perden os probes labradores que as collen á medro, e como d'estes nagocios non s'acupan os ricos, penso de min que a idea non vai ir á ramo.*
>
> *Pol-o menos aqueles que teñen cartos non ll'emprestarán axuda, pol-a razón de que se trata d'asegurar perdas que xa teñen aseguradas.*

Presta ler en 16.1. o poema *Soberba* de Rosalía de Castro, que fala da perda que supón para un labrego a morte dunha vaca.

10017 **contrata** *s.f.* Seguro de gando entre os veciños. A nosa fonte no Salnés explicábanos que os veciños do lugar xuntaban todo o seu gando unha vez ó ano, para que un deles, ou un tratante experto e de confianza, taxase o valor de cada animal. No caso de morrer unha vaca, cada veciño achegaba un tanto en función do que tiña valorado os seus animais (canto máis ou mellor gando tiña, máis pagaba) e así xuntaban o valor da vaca para darllo a quen sufreu a perda. Naturalmente, este non pagaba nada a ese fondo común. (PAre1, Saln5, XRMF4).

10018 **obriga 3** *s.f.* Seguro cooperativo do gando en Castrofeito. Este sistema de seguro consistía en que cada veciño asegura o seu animal nunha determinada cantidade e paga unha cota ó mes de acordo con esa cantidade. Se lle morre o animal abónaselle a cantidade asegurada, é dicir, recupera o valor do animal. Mariño Ferro recolle este nome de *obriga* '*en Castrofeito, Xavestre e, en xeral, na provincia da Coruña'* (XRMF4:90). (Casti., XRMF1, XRMF4).

10018b **axudar á perda 2** *loc. v.* Colaborar entre eles os veciños para compensarlle a outro a perda dun animal por morte ou embargo (Barro, Ctel1).

10018c **poñe-la libra** *loc. v.* Cooperar [os veciños] na perda dunha vaca, vendéndoa en pedazos de libra (CLam3).

9.3. Accións e trebellos do gandeiro

9.3.1. Relacionadas co manexo diario

Nun dos primeiros libros da Biblia xa se dan normas moi detalladas relativas ó gando bovino que prescribían o que había que facer en diversas eventualidades: véxanse os capítulos 21-22 do libro do Éxodo, que citamos en 15.1.3. Non se podía xunguir un boi e unha burra, porque, se non, gravábase moito a burra [284]. O sábado os bois tiñan que descansar (non era traballo levalos a beber e tiralos dun foxo se caían nel). Non podían pacer no monte Sinaí, cando Deus falaba a Moisés. O becerro primoxénito había que ofrecelo a Deus no seu oitavo día de nacido. Quen roubase un boi tiña que devolver dous, se o tiña vivo; e cinco, se o matara ou vendera. O boi extraviado habíao que devolver ó dono, mesmo se era un inimigo. Se un boi caía, había que axudalo a erguerse. Se un boi atacaba ó dono e o mataba, había que matalo a pedradas. E se mataba outro boi doutro dono, os donos tiñan que partilla-la carne do morto e o valor do boi vivo. Claro que, se o atacante era un boi bravo e a cousa pasara porque o dono non o encerrara, tiña que pagar polo descoido un boi vivo e podía quedar co morto.

[283] An11:7.

[284] Pero temos constancia de que en Galicia –coma noutras zonas españolas- a necesidade obrigou algúns gandeiros a utilizar xugos mixtos, aínda que de maneira excepcional.

Moitas destas normas revelan a reacción do sentido común ás eventualidades extraordinarias do manexo diario do gando. Nun formato máis laico, algunhas aínda eran costumes vivos na Galicia tradicional de final do século XX.

Un dos problemas que causa o gando, en terras de minifundio, é a invasión de propiedades alleas e por iso precisa unha persoa sempre ó pé (vello ou neno) ou ben que o dono delimite a parcela cun muro que non poida saltar. A resposta a este problema do gandeiro galego, que tamén é agricultor, son os centos de miles de km de muro con que se parcela o territorio agrario galego, fronte ós campos abertos de Castela, para atalla-lo gando propio que, se un se descoida, entra indebidamente en propiedades alleas; a outra é protexe-los cultivos da forza erosionadora do vento.

Remitimos ó lector ó apartado 7.3.2: *Cubri-lo boi á vaca* do capítulo 7. *Reprodución*, no que falamos do reparto do traballo, relativo ó abeiro do gando, entre home e muller.

10019 **ghobernar** *v.* Manter [vacas]. *Ajora pra joberna-las vacas danche moito traballo, ... é unha cousa que che dá moito traballo*. (Gome.).

A besta, polo medo; e o boi, polo meimo. (VS) [285]
Boi xunguido, boi mantido. (VS4) [286]
De tres cousas arrequeixa o gado: de sol, de tempo e de coidado. (VLLM:2,86) [287]
De tres cousas quer o gado: sol, herba e pastor adoitado. (VLLM:2,86) [288]
O gado ben coidado fai rico a calquera amo. (RCI:104) [289]
Saúde e sol, coido e temporal enchen o curral (VLLM:2,95) [290]

Almorzar con papas,
labrar con vacas
e tratar con mulleres,
¿que máis traballo queres? [291]

Almorzar con papas,
traballar con vacas
e lidar con mulleres,
¿que máis traballo queres? [292]

9.3.2. Prende-lo gando

Agruparemos neste apartado as voces que designan os distintos métodos e operacións para ata-lo gando, acción á que se recorre cando se necesita mantelo controlado (no pasto, na feira, na casa etc.), evitando así que fuxa ou que faga algunha trasnada. Normalmente, a característica docilidade deste gando permite que esta operación se poida facer sen excesivos esforzos nin útiles especialmente resistentes.

Para determinadas accións ou con certos animais o gandeiro precisa inmobiliza-lo animal. Da información recollida nós procuramos distingui-las inmobilizacións xenéricas (9.3.2) daquelas que especifican en qué parte do corpo se logra esa inmobilización: normalmente unha pata (9.3.2.1), as ventas (9.3.2.2) ou a virilla (9.3.2.3). As voces que veremos a continuación van distribuídas, polo tanto, segundo esta clasificación.

Hai, non obstante, un pequeno número delas que, de entrada, producen certa confusión, porque nelas se especifica que intervén o xugo ou algún dos seus elementos: *apeazar, apiollar, estrobar, restrobar, trasgar, poñerlle un loro.* É sabido que a vaca queda inmobilizada se lle suxeitamos no aire unha pata, porque as outras tres, para non caer, xa non as pode mover. Un dos trucos é dobrarlle unha pata dianteira e para isto pódese utilizar unha corda ou algo semellante. Temos constancia de que, polo menos en Dozón, se utiliza a pialla do xugo que, actuando de torniquete, provoca unha dor na pata e xa a vaca está inmobilizada.

---

[285] No texto: *i-o boi.*

[286] VS4 di que o recolle da publicación *Rías Altas de Galicia. Lugo.* 18-2-56. Aconsella que se manteña o gando en proporción ó esforzo que del se esixe.

[287] Llópiz recólleo de A. Abelaira Abizanda (*Monografía de La Capela*); *arrequeixar* é querer, gustar.

[288] Llópiz: *gâdo*; recólleo de Salgado y López-Quiroga.


[289] No texto: *cuidado, calquer*.

[290] Llópiz explica que temporal aquí é tempo axeitado; recólleo de E. Couñago no Porriño. Cita vars. que o explican: *Sol, tempo e coidado arrequez ó gado, Sol e boa terra fan ó bon gado que non o herbal sonado.*

[291] DBP:3773.

[292] Lourei2. Refírese ó pouco proveito que resulta da realización de calquera destas tres actividades.

Outra maneira é xungui-la vaca que se necesita explorar a outra máis mansa; neste caso debe quedar claro que non se trata, simplemente, de xunguir, porque o obxectivo é outro. Mesmo así, non excluímos que haxa algunha imprecisión na recollida da información e, en consecuencia, como cautela incorporámolas separadas (9.3.2.4).



Vaca arrabada (c. 1955).

10020 **cabestro 1** *s.m.* Ver CORDA 1 /10022. Úsase nas voces *cabestrar* e *encabestrar* (inmobiliza-las vacas para muxilas, exploralas etc). [As vacas] *amarradas polo cabestro ou cadea á parede co presebe onde bota-lo verde e a herba seca* (Friei.:198). (Cruído, Friei.).

10021 **cabresto 2** *s.m.* Ver CORDA 1 /10022. (ERG).

10022 **corda 1** *s.f.* Vencello para ata-los bovinos polos cornos. Símbolo da boa sorte, sempre se trae á casa, aínda que se venda a vaca. *Os mesmos rapaces, alá onde non teñan mais ocupación que espavilál-o ben que comen, faráles falta exercicio, pero aquí teñen d'abondo co-a corda das vacas e c-o mango das ferramentas* (GB1:233). *E o rapás tiraba pola corda da Vermella que enteneaba a pacer fora da estrema* (GB2:11). *As cordas son prás vacas* é resposta dos mariñeiros cando un rapaz ou alguén de terra adentro chama *corda* ó que eles chaman *cabos*. (Común).

10023 **costa** *s.f.* Corda coa que se suxeita o gando. *Cando se vende algún animal que vai atado c'unha costa ou c'unha soga, non se debe vendel-a costa nin a soga, porque se se vende, véndese a sorte*. (Mondo4:181).

10024 **ramal** *s.m.* Ver CORDA 1 /10022. (Común).

10025 **rebenco** *s.m.* Correa de coiro para ata-la res. (Gro1).

10026 **rello** *s.m.* Corda para ata-lo gando. (CP, ERG).

10027 **soga 2** *s.f.* Correa que se ata ós cornos para conduci-la xugada. Ctel1 pronúnciao con gheada. *Pra conducil-o carro emprégase a 'aguillada' coa que se 'tangue' o gado pra faguelo andar, podendo partir do xugo unha correa, 'soga', ou unha corda, 'trenla', que se leva na man*. (XLF:733). (Ctel1,XLF).

10028 **trela** *s.f.* Ver TRENLA 1 /10029. En Sarria defíneno como "Correa de lino", como sinónimo de *cornais*, para ata-los cornos do boi ó xugo. *O boi pola trela i o home pola verba*. (Parade., Sarria2).

10029 **trenla 1** *s.f.* Corda atada ós cornos ou ó xugo coa que se guía o gando. (CP, ERG, Salg., XLF, XLF5(136)).

10030 **trenlla** *s.f.* Ver TRENLA 1 /10029. (ERG).

10031 **corda do gando** *s.comp.f.* Ver CORDA 1 /10022. (Castre).

10032 **corda dos armallos** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver CORDA 1 /10022. -*Para que non escapara, pero nesto collía as cordas dos armallos, nos tamén tiñamos armallos, collía as cordas dos armallos ¿non? e ¡bin ban!, e ¡bin ban!*. (Cece).

10033 **atroxado** *adx.* [Animal] que vai atado xunto a outro, cabeza con cabeza. (Toba).

10034 **ben fita** *loc. adx.* [Vaca] ben amarrada. *Trae-la vaca ben fita*. (Piquín, XLFG).

10035 **aghuantar** *v.* Manter inmobilizada [unha vaca]. (Arme.).

10036 **amarrar 1** *v.* Prender [un animal]. Val-LE recolle *amarrarlas*. (Anca, Caban., Dum., Grixoa, Sete-L, Suevos, Taboa., Val-LE, Vcova).

10037 **arrecullar** *v.* Arrinconar [un animal] para botar man del. (Arcos).

10038 **atar** *v.* Suxeitar [un animal]. (Alla2, Boi., Burgo, Rábade, Sete-L, Vtose).

10039 **entrenlar** *v.* Atar [un animal] coa trenla. (Salg).

10040 **mancornar** *v.* Atar [dúas reses] polos cornos para que vaian xuntas. Para o castelán os dicionarios son máis explícitos e dan a esta voz máis acepcións. Por exemplo, o DRAE presenta estes valores: "Poner a un novillo con los cuernos fijos en la tierra, dejándole sin movimiento.¦ Atar una cuerda a la mano y cuerno del mismo lado de una res vacuna para evitar que huya.¦ Colocar una mano de la res derribada sobre el cuerno del mismo lado para impedir que se levante.¦ Atar dos reses por los cuernos para que anden juntas". Para o galego, Eladio Rodríguez non especifica máis e por iso só recollemos *mancornar* co significado que lle dá. Agora ben, Leiras Pulpeiro recolle a forma paralela *mancorneiar*, co significado de coutar unha res atándoa unha corda da pata ó corno, que nós clasificamos como *Inmobiliza-lo gando polas patas* (9.3.2.1). Custa crer que non se empregue tamén a forma *mancornar*. (ERG).

10041 **prender 1** *v.* Atar [as vacas] polos cornos ou polo pescozo. (Burón, Ced., Cod., Com1, Cre., Dum., Feás-A, Fri., Gro1, Gud., Gun., Laxe, Mel., Miñor2, Razo, Sob., Suarna, Vil., Vilaf).

10042 ***encolar** *v.* Ata-los cornos [dunha vaca] ó rabo doutra que vai diante. Probablemente é un castelanismo e por iso a marcamos con asterisco: sen máis explicacións da nosa fonte cá propia voz, entendemos que se trata de imitar, coas vacas, o que se adoita facer coas recuas de bestas, construíndo o verbo sobre o castelán *cola*. Pero cabe a posibilidade de que este *encolar* se refira ó colo da vaca que, dalgunha maneira, se une ó rabo da vaca que a precede. Neste caso, non sería castelanismo. Máis, *encolar* tamén significa "unir con cola" e outra interpretación desta operación de "atar dúas vacas" podería ser que designase metaforicamente algo que cola, une, ata. Tampouco neste caso sería un castelanismo. (Arroxo).

10043 **ter conta de** + (subs.) *loc. v.* Suxeitar [un animal ou persoa]. (Piquín).

10044 **ter pola corda** *loc. v.* Ter man de [unha vaca]. *Eu buscaba unha vaca de leite. Cheguéime a unha que un home tiña pola corda* (GB2:108). *Facíame falta unha vaca, e fun ó Dazaoito. Entrando, mesmo, vin unha que tiña un rapás pola corda e que non me desgostaba* (GB2:105). *Un petrucio mercou n-a feira unha xovenca nídia e rexa que mesmo daba xenio vel-a. Despois de emborcar unhas poucas de cuncas do ribeirán á sorte da boa (feira) compra que fixera, véuse prô eido con a becerrota pol-a corda. Nunha chaira erma do monte púxose a picar tabaco pra facer un pito e n-un descoido o animal, d-unha arringadela, fuxíulle con a corda arrastro, como alma que leva o demo* (VD:363). (GB2, VD).

A boi bravo, corda longa. (ERG:boi; XLF2:14; Lourei2; Torne.) [293]
A boi tolo, corda larga. (Viana3)
A gado bravo, corda longa. (VLLM:2,79)
A gando bravo, corda larga. (MVN:276; MVN2:62; UCA2:22; ERG:gando; EAG:7; EAG2:336; VLLM:2,79; ZM:19; VS) [294]
Boi bravo, corda larga. (Antas4)
Ó gando bravo, corda larga. (XTC4)
Ó gando bravo, corda solta. (VS)
Ao boi cólleselle polas hastas e ao home pola palabra. (VLLM:1,129) [295]
Ao boi, pola corda. (VLLM:1,129) [296]

[293] Cando un é retorcido, hai que deixalo andar. Tamén temos: *A muller brava, corda larga* (ZM:22, ANV1:81, ANV4:18); *Á muller brava, dálle corda larga* (XAM2:9, XMSM:35); e tamén o refrán contrario: *Á muller e á cabra non lle dés corda larga* (ZM:22).

[294] MVN: *Á gando, còrda*. ZM: *córda, longa*. EAG comenta: *Se aconseja que prudentemente se disimule lo que no puede remediarse al momento, esperando ocasión oportuna para el castigo ó corrección*.

[295] Llópiz: *pol-as*; di que o recolle de V. Risco en 1954. Este refrán xa existía en latín: *Cornu bos capitur, verbo ligatur homo.* A fórmula *cólleselle polas hastas* parece evidenciar que é unha adaptación galega dun refrán castelán.

[296] Llópiz: *pol-a*. Di que o recolle de *Terra de Melide*, pero realmente alí aparece o refrán completo: *i-o home pol-a palabra* (Mel2:462).

O boi, pola corda; e o home, pola boca. (XMSH:176; ERG:boi) [297]
O boi, pola corda; e o home, pola palabra. (XMSH:176; Riba1:209; Mel2:462; MVN:69; MVN2:95; Viana5; VS; XTC4; XLF3:64) [298]
O boi, pola corda; e o home, pola parola. (XMSH:176)
O boi pola trela i o home pola verba. (Parade.:276)
O home, pola palabra; e o boi, pola corda. (JASA:319; DRAG; VS) [299]
Ó home, pola palabra; e ó boi, pola corda. (Lourei2; XERCG:372) [300]
O home, pola palabra; e o boi, pola corna. (UCA2:49; ERG:home; ZM:168; VS) [301]
O home, pola parola; e o boi, pola corda. (ERG:home)
O home, pola palabra; e o boi, polos cornos. (VS) [302]
Os bois, polos cornos, e os homes, polas palabras. (VS)
Cando che dan o almallo, acude co barazo. (VLLM:1,137) [303]
Cando che dean a xatiña, acude coa cordiña. (VLLM:1,137) [304]
Cando che digan "Colle a vaca", corre coa baraza. (VLLM:1,137) [305]
Castrón, touriño e can de traba, corda forte e curta que non larga. (VLLM:2,85) [306]
Corra a touriña mentres ature a cordiña. (VLLM:1,665) [307]
No couto millor se acada á vaca que ó touro. (VLLM:1,145) [308]
O boi sin corda pérdese axiña. (ERG:boi; VS) [309]
Si queres ter bon leite trai a vaca pola corda. (VS4: A Barrela)

Tráeme a corda do ghando
para prende-los pasmóns
que pa min están mirando. [310]

Traime esa corda do ghando
pa prender a catro burros
que están darredor mirando. [311]

---

[297] Tan suxeito está o home pola palabra que dá, se é honrado, coma o boi xunguido ou preso polos cornos. Moreiras Santiso (XMSH:176, n. 356) cita algúns refráns paralelos: *Home parlanchín, pra todos mais non pra min*; *Nin besta de soila herba, nin home de moita verba*; *Ó can e ó paroleiro, deixalos no carreiro*. E tamén dúas cantigas recollidas de Ramón Cabanillas:

Pra coller unha lebre
corredoiras apretadas,
pra engañar unha moza
home de poucas palabras

Home de moita parola
gasta a forza en parolar
e nin fai todo o que di
nin tampouco di o que fai.

Poida que con esta idea cadre un refrán, algo enigmático, recollido na costa coruñesa a mediados do século XX que di *Home parleiro, *gallego leiteiro* (VS4). Nós interpretamos que, sendo a venda de leite actividade tradicionalmente feminina, o refrán cataloga de pouco masculino o home excesivamente falador.

[298] No texto: *pol-a, y-o home, pol-a* (Riba1); *pol-a, i-o home, pol-a* (Mel2); *bói pol-a, pol-a palabra* (MVN2); *O boi pol-a côrda i-o home pol-a palabra* (Viana5). MVN: *Señorito, o boi pola corda e o home pola palabra, decía meu pai; e neste sempre lle semelléi*. Saco ofrece estas equivalencias castelás: El *hombre por el verbo, y el toro por el cuerno* (R. Marín); *El hombre por la palabra y el buey por el cuerno o por la palabra (Id.)*.

[299] VS: *i-o boi*.

[300] Se o home compromete a súa palabra, queda tan obrigado a cumprila e tan suxeito a ela coma o boi ó carro ou ó arado. Corresponde co cast.: *Al hombre por la palabra y al buey por el cuerno*. En Asturias: *Al home por la palabra i al boi por a corda* (XBG:480).

[301] No texto: *pol-a* (UCA2); *O home pola palabra, o boi pola corna* (ZM). Saco comenta que *enseña que el hombre queda tan atado por la palabra que da, como el buey uncido por el cuerno para tirar*, e ofrece esta equivalencia *Al buey por el cuerno* (*o por el asta*) *y al hombre por la palabra*.

[302] No texto: *i-o boi.*

[303] Llópiz: *có*, *acode*; di que o recolle de E. Álvarez Jiménez [sic] (*Refr. agr.*). Supoñemos que se refire ó *Refranero agrícola y metereológico* (sic) *gallego* de Emilio Álvarez Giménez publicado en Pontevedra en 1904; pero nel non figura o tal refrán e o máis parecido di así: *Cando dan a ovella, coller a corda e ir por ela*. Tampouco o atopamos noutro refraneiro que o mesmo Álvarez Giménez publicou en *Ultreya* en 1920.

[304] Llópiz: *ca*, *acode*; recólleo de Vicente Risco (*Notas para ...*, Ourense 1954).

[305] Llópiz: *cá*; recólleo de J. Piñeiro Cellán en Monforte; di que cadra co cast. *Cuando te den la vaquilla, acude con la soguilla* e co latín *Suscipe cum sacco, quando tibi dona ferantur* (Llópiz por erro di *farantur*), que quere dicir: *recolle cun saco cando che dean de balde*.

[306] Llópiz recólleo de E. Fuciños en Antas (Lugo); explica *can de trava* (sic) como can de presa.

[307] Llópiz recólleo de Martín Calado (*Fungueirazos*, 1910).

[308] Llópiz recólleo de A. Carracedo de Monterde (Lugo).

[309] VS lembra un equivalente castelán de G. Correas: *El buey sin cencerro, piérdese presto.*

[310] SCHU6/2/1626a.

[311] SCHU6/2/1626b.

Atrás daquel horto
hai un boi torto;
non hai home nin muller
que lle bote o cordel. [312]

Entre coto e recoto
hai un boi xoto;
non hai home nin muller
que lle bote o cordel. [313]

O disgusto de Pedro Miñol [314]

Pedro Miñol puxo unha col,
veu a cabra, comeu a col;
veu o can, comeu a cabra;
veu o pau, matou o can;
veu o lume, queimou o pau;
veu a i-auga, matou o lume;
veu a vaca, bebeu a i-auga;
veu a corda, prendeu a vaca;
veu o rato, rilou [315] *a corda;*
veu o gato, comeu o rato.
Gato no rato [316]*,*
rato na corda,
corda na vaca,
vaca na i-auga,
auga no lume,
lume no pau,
pau no can,
can na cabra,
cabra na col.
¿E quen veu perde-la col?
¡Foi Pedro Miñol!

Semellante á anterior, temos tamén esta cantiga de arrolar [317]:

Estando o boi
no seu lugar, [318]
veu o home,
e fíxolle mal.
O home ó boi,
o boi á auga [319]
a auga ó lume,
o lume ó pau,
o pau ó can,
o can ó gato,
o gato ó rato,
o rato á araña,
a araña á mosca,
a mosca á mora [320]*,*
ela no seu [321]
recuartito sola.

E mais estes dous fragmentos:

Gato no rato,
rato na corda,
corda no boi,
boi na ágoa,
ágoa no lume,
lume no pao,
pao no perro,
perro no zorro.
Todo o mal é da probe da mora,
que esta noite ha de dormir fóra. [322]

---

[312] O vento (PM:400.213) ou o sol (APG:133). APG: *orto*.

[313] O vento. PM:400.

[314] Corme1:503. No texto: *cán*, *perdela*.

[315] Sic.

[316] Cervantes utiliza este texto en 1605 no *Quixote* (1,16) axeitándoo probablemente ó castelán (*rato* por *ratón*): *Viendo, pues, el arriero, a la lumbre del candil del ventero, cuál andaba su dama, dejando a don Quijote, acudió a dalle el socorro necesario. Lo mismo hizo el ventero, pero con intención diferente, porque fue a castigar a la moza, creyendo sin duda que ella sola era la ocasión de toda aquella armonía. Y así como suele decirse "el gato al rato, el rato a la cuerda, la cuerda al palo", daba el arriero a Sancho, Sancho a la moza, la moza a él, el ventero a la moza, y todos menudeaban con tanta priesa, que no se daban punto de reposo.* Velaí un indicio máis da orixe galega da familia de Cervantes, porque a palabra rato nunca antes significou "roedor".

[317] JASA: 208-209.

[318] No texto: *n-o*.

[319] No texto: *O home o boi, o boi a auga*.

[320] No texto: *moura*, que consideramos erro porque no comezo desta poesía escribía *Estando a mora/ n-o seu lugar... A mosca a mora...*

[321] No texto: *n-o*.

[322] DBP:90. No texto: *Tod'o, qu'esta*.

... estando o lobo no seu lugar
veu o boi pró pillar
o boi no lobo...
estando o boi no seu lugar
veu a lanza pró pillar
a lanza no boi...
estando a lanza no seu lugar
veu o lume prá pillar
o lume na lanza...
estando o lume no seu lugar
veu a auga pró pillar
a auga no lume,
o lume na lanza,
a lanza no boi,
o boi no lobo,
o lobo no perro,
o perro na zorra ...
probe da amora,
que dorme fóra.[323]

Risco recólleo tamén, como *xogo de memoria* [324]. A seguir copiámo-la parte que se refire ó boi:

Estaba a auga no seu lugar
e veu o boi para a bibiscar.
Boi na auga,
auga no lume,
lume na lanza,
lanza no lobo,
lobo no can,
can no zorro,
zorro no galo,
galo na mosca,
mosca na amora,
amora na silva,
silva no chan
e o chan como é duro de todo ten man.[325]

Estaba o boi no seu lugar
e veu o home para o matar.
Home no boi,
boi na auga,
auga no lume,
...

Outra variante completa recolleuna Marilena Prieto [326] que, acertadamente, considérao un simple exercicio mnemotécnico:

Estando a silva / na sua santa hora / veu e pousóuselle / encima unha mora. / A mora na silva, / a silva no chan / i-o chan, como é duro, / de todo ten man.
Estando a mora / no seu lugar / veu a mosca / qu-a queria chapar. A mosca na mora, / a mora na silva / i-a silva no chan, / i-o chan, como é duro, / de todo ten man.
Estando a mosca / no seu lugar, / veu a pita / que a quería chapar. / A pita na mosca,/...
Estando a pita / no seu lugar, / veu a zorra / que a queria chapar. / A zorra na pita, / ... ...
Estando a zorra / no seu lugar, / veu o can / que a queria chapar. / O can na zorra, / ... ...
Estando o can / no seu lugar, / veu o lobo / que o queria chapar. / O lobo no can, / ... ...
Estando o lobo / no seu lugar / veu o lume / que o queria queimar. / O lume no lobo, / ... ...
Estando o lume / no seu lugar, / veu a i-auga. / que o queria apagar./ A i-auga no lume, / ... ...
Estando a i-auga / no seu lugar, / veu o boi, / que o queria tragar. / O boi na i-auga, / ... .
Estando o boi / no seu lugar, / veu o xugo / que o queria amarrar. / o xugo no boi, / ... ...
Estando o xugo / no seu lugar / veu o rato / que o queria rillar. / O rato no xugo, / o xugo no boi, / o boi na i-auga, / a i-auga no lume, / o lume no lobo, / o lobo no can, / o can na zorra, / a zorra na pita, / a pita na mosca, / a mosca na mora, / a mora na silva, / i-a silva no chan, / i-o chan, como é duro, / de todo ten man.

Para rematar, dúas versións publicadas por Loís Carré Alvarellos:

[323] SCHU6/2/2291a.
[324] VR1:516-517.
[325] No texto: *tén*.
[326] Gud10:142-143. Recitado por Elías Fernández, da Herosa (Pentes, A Gudiña). No texto: *tén*.

O vello que prantou a viña [327]

Era un vello e platou unha viña
Luns e martes
de madrugada,
tras do outeiro
da pedra furada.
Veu a cabra e rilou a viña que o vello prantara.
Luns e martes
de madrugada,
tras do outeiro
da pedra furada.
Vaise o can e matou á cabra, que rilou a viña que o vello prantara.
Luns e martes
de madrugada,
tras do outeiro
da pedra furada.
Vén [328] o pau e matou ao can, que matou á cabra, que rilou a viña que o vello prantara.
Luns e martes
de madrugada,
tras do outeiro
da pedra furada.
Vén o lume e queimou o pau, que matou ao can, que matou á cabra, que rilou a viña que o vello prantara.
Luns e martes
de madrugada,
tras do outeiro
da pedra furada.
Vén a i-auga e matou o lume, que queimara o pau, que matou ao can, que matou á cabra, que rilou a viña que o vello prantara.
Luns e martes
de madrugada,
tras do outeiro
da pedra furada.
Vaise o boi e bebeu a i-auga, que matou o lume, que queimou o pau, que matou ao can, que matou á cabra, que rilou a viña que o vello prantara.
Luns e martes
de madrugada,
tras do outeiro
da pedra furada.
Vén a corda, e prendeu ao boi, que bebeu a i-auga, que matou o lume, que queimou o pau, que matou ao can, que matou á cabra, que rilou a viña que o vello prantara.
Luns e martes
de madrugada,
tras do outeiro
da pedra furada.
Vaise o rato, e rilou a corda, que prendeu ao boi, que bebeu a i-auga, que matou o lume, que queimou o pau, que matou ao can, que matou á cabra, que rilou a viña que o vello prantara.
Luns e martes
de madrugada,
tras do outeiro
da pedra furada.
Veu o gato e comeu ao rato, que rilou a corda, que prendeu ao boi, que bebeu a i-auga, que matou o lume, que queimou o pau, que matou ao can, que matou á cabra, que rilou a viña que o vello prantara.
Luns e martes
de madrugada,
tras do outeiro
da pedra furada.

A vella que prantou a viña [329]

Unha vella
prantou unha viña
martes de antroido
pola [330] *mañanciña*
...

Segue a mesma orde cá anterior e remata así:
O gato no rato,
o rato na corda,
a corda no boi,

[327] Esta primeira versión está curiosamente recollida en Vilancosta, San Vicencio de Berres, A Estrada (aldea de Marcial Valladares). LCA7:396-399.
[328] No texto: *Ven,* aquí e no resto do conto.
[329] LCA7:399 recolle estoutra versión en Cee.
[330] No texto: *pol-a.*

o boi na i-auga,
a i-auga no lume,
o lume no pau,
o pao no can,
o can na cabra,
a cabra na viña
que prantou a vella
martes de antroido
pola mañanciña

Pereiro Pérez recolle en Palas de Rei esta mesma historia repetitiva en forma de conto [331]. Nel, o médico pide un ovo. A cambio, a galiña pide grao, a ucha pide o pecho, o ferreiro quere un carneiro, o pastor pide un can, o can pide leite, a vaca pide herba e o prado pide auga.

E con semellante argumento, hai outro conto recollido por Harguindey e Barrio [332] no que unha raposa tiña que conseguir que regasen o prado para que este dese herba, herba que levou á vaca para que esta lle dese o leite para que a panadeira lle dese un pan, co que a cadela lle dese un can e a ovella un carneiro que levou ó ferreiro, quen lle deu as chaves que levou á ucha, a ucha deulle a avea e a avea á porca. No remate, a porca deulle as sedas que necesitaba para cura-lo seu raposo que partira un brazo, pero cando chegou onda el xa morrera.

En *Terra de Melide* [333] temos tamén un conto similar, no que é o raposo quen ten que facer todos estes traballos para conseguir unhas sedas para cose-la barriga da raposa. Tamén aquí, entre outras cousas, ten que conseguir do río que regue o prado para que dea herba, para que coma a vaca e para que esta lle dea o leite.

Rematamos transcribindo un cuarto conto, coa mesma estrutura pero coa particularidade de estar escrito no galego dos Ancares leoneses:

A letanía da cocha ye a raposa [334]

Unha vez taba unha cocha cos cochiños de cría o sol nos prados do Corradón e chegou a raposa, plantouse diantre e díxolle a cocha:

-¡Teis que me dar un cochín pra cria-lo meu raposín que partiu un bracín!

E dice a cocha:

-Se queres que che die o cochín teis que ir o muín ye traerme fariña pra cria-los outros.

Vai raposa ó muín ye dice:

-¡Muín, a min fariña, eu fariña á cocha, a cocha a min un cochín pra cria-lo meu raposín, que partiu un bracín!

O muín contéstalle:

-Se queres que che die a fariña, teis que ir onde o amo que che die graus

Ye a raposa marchou donde o amo ye empezou:

-¡Amo, a min graus, eu graus ó muín, o muín a min fariña, eu fariña á cocha, a cocha a min un cochín, pra cria-lo meu raposín que partiu un bracín!

O amo dícelle a raposa:

-Se queres que che die os graus teis que ir por leite onde a vaca pró meu desayuno.

E raposa marchou donde a vaca :

-¡Vaca, a min leite, eu leite ó amo, o amo a min graus, eu graus ó muín, o muín a min fariña, eu fariña á cocha, a cocha a min un cochín, pra cria-lo meu raposín que partiu un bracín!

A vaca dícelle:

-Ben, se queres que che die o leite, teis que ir ó prado que che die herba.

Vai a raposa ond'o prado:

-Prado, a min herba, eu herba á vaca, a vaca a min leite. Eu leite ó amo, o amo a min graus, eu graus ó muín, o muín a min fariña, eu fariña á cocha, a cocha a min un cochín pra cria-lo meu raposín que partiu un bracín.

---

331 "Os dous compadres" (XPP:84-85).

332 "O brazo partido do raposo" (HH-MB:57-59).

333 "O raposo mail-a raposa" (Mel2: 478-480).

334 O conto é de Villar de Acero nos Ancares leoneses. http://villardeacero-villardeacero.blogspot.com/ [7.05.2010]. O colector engade que *Este conto mo cuntaba Agustias. Ela chamáballe "a letania da cocha ye a raposa" ye o da letanía sería pola repetición. Penso que nun ta enteiro, pois ya a miña memoria falla algo*.

O prado dícelle:

- *Se queres a herba, teis que ir ó riu que che die auga.*

A raposa vai ó riu:

-*Riu, a min auga, eu auga ó prado, o prado a min herba, eu herba á vaca, a vaca a min leite, eu leite ó amo, o amo a min graus, eu graus ó muín, o muín a min fariña, eu fariña á cocha, a cocha a min un cochín pra cria-lo meu raposín que partiu un bracín.*

O riu doulle a auga pero a raposa no sou afan de cria-lo raposín nun pensou que lle taban tomado lo pelo ye cuando conseguiu a fariña pra darlle á cocha, ésta ya se puñera a bon recaudo en nun lle pudo leva-lo cochín.

9.3.2.1. Inmobilizar polas patas



Vaca acadarmada.

Nesta epígrafe reuniremos dous grupos de voces: as que designan a acción de pexa-lo gando no prado, para o que se recorre habitualmente a atarlle unha pata a un corno, deixándolle só a folganza imprescindible para andar pero insuficiente para correr ou saltar; e as que designan a acción de inmobilizalas mediante un torniquete apretado nas patas traseiras, acción que pode ser necesaria para muxi-las vacas pouco dóciles ou pouco afeitas a que as muxan. Esta operación consiste en atarlles unha corda nunha pata e apretar con forza para que lle doa, o que a obriga a manterse, máis ou menos, quieta.

Hai pexas que provocaron que moito gando morrese nos grandes incendios do verán do 2006 por non poder fuxir do lume coa necesaria lixeireza. Dende aquela, a pexa tradicional pasou de considerarse unha práctica inocente (que o refraneiro non enxalza pero tampouco condena rotundamente) a ter consideración de maltrato animal; e a Fiscalía empezou a perseguir en Galicia os propietarios de gando pexado. A prensa galega (17.05.2007, 23.05.2007, 14.11.2007, 9.12.2007) fala destes controis e de multas que oscilan entre 3.000 e 30.000 euros. A dici-la verdade, tódolos exemplos que a prensa ofrece son de cabalos, non de gando bovino [335]. Unha pexa limita os movementos pero non os impide. Non pexa-lo gando favorece que se críe ceibo no monte pero tamén favorece que invada propiedades alleas ou entre nas estradas. A alternativa de circundar o monte cun muro para que o gando non saia do seu territorio é, polas súas dimensións, economicamente inviable. O pastor eléctrico é unha alternativa que aínda precisa melloras.

10045 **acabramo** *s.m.* Corda que se usa para acabramar, é dicir, para inmobiliza-la vaca atándolle unha pata a un corno. *Boi co acabramo non deixa o prado* (VLLM). C. García di que esta voz, e mais *acabramar* e *cabramo*, aparecen tamén nos dicionarios portugueses e, aínda que non sexan moi populares, *temos proba da súa existencia en textos de hai bastante tempo*

[335] E, se na prensa do 6.03.2008 se daba por practicamente erradicada a práctica da pexa, aínda un ano despois saía a nova de que a Garda Civil detivera dous irmáns de Lousame por teren pexados 31 cabalos (VG2:18.04.2009).

(CGG2: *Atar patas e cornos*, 754). (CGG2, ERG, VLLM).

10046 **alcorso 2** *s.m.* Ver ARCOXO 2 /10049. (Nogais).

10047 **apea** *s.f.* Ver PEXA 1 /10073. (LG).

10048 **arcoso 2** *s.m.* Pexa de madeira con que se traba unha pata da vaca, para que non vaia lonxe. É voz do Bierzo. (ERQ3).

10049 **arcoxo 2** *s.m.* Arco pequeno feito dunha verdasca retorta que se usa para pexar un animal. (LG, Piquín).

10050 **bexa** *s.f.* Ver PEXA 1 /10073. (Gud.).

10051 **cabarmo** *s.m.* Ver CADARME /10056. (Gro5).

10052 **caboardo** *s.m.* Pexa ou corda que se ata a un corno e a unha pata do animal para que non fuxa. C. García recolle a opinión de José Pedro Machado, para quen *caboardo* e *acaboardar* proceden dun derivado do latín *capulum*, diminutivo de *caput*, que deu orixe ó noso *cabo* co significado de corda (CGG2: *Cadarmes e acabramos*, 474; *Atar patas e cornos*, 754). (Cab., CGG2).

10053 **caboarmo** *s.m.* Ver CADARME /10056. (LG).

10054 **cabramo** *s.m.* Ver CADARME /10056. (CGG2, ERG).

10055 **cábramo** *s.m.* Ver CADARME /10056. (LG).

10056 **cadarme** *s.m.* Corda coa que se lle atan os cornos a unha pata, para dificultarlle o movemento. (CGG2, Pica., Zolle).

10057 **cadarno** *s.m.* Ver CADARME /10056. *E entonces a vaca tiña o cadarno, e vaise o Pedro, que era o zorro, envolveu a corda todo arredor da cintura e soltouo, o cadarno, i-a vaca estivo moi quietiña*. (XPP:69).

10058 **camoarmo** *s.m.* Ver CADARME /10056. (LG).

10059 **canga 10** *s.f.* Cincha que se lle amarra no pescozo ás vacas (cabalos etc.) e na que vai pendurando un pau horizontal, a certa altura, que lle estorba as patas de diante. Así non lle é doado fuxir, pois non pode brincar por riba dos valos. *Definición retranqueira popular da persoa que de cote vese coa cabeza baixa, fosca e calada. Tamén daquela que á zorra quer pasar por parva, con carís desconfiado e malicioso*. (Forc4:19).

10060 **catrolatas** *s.* Vencello que se lles pon ás vacas para que non se manquen. Supoñemos que se trata da pexa para que non salten. (Arcos).

10061 **cibela 3** *s.f.* Ver CADARME /10056. *Para evitar a catastrófica invasión deste gando 'algareiro' ou 'argareiro' -que non acouga nunha paraxe- ademais de 'cibelalo', ou colocarlle a 'cibela', 'camoarmo', 'cábramo' ou 'apea' 'soga'*.... (LG:26.04.1998).

10062 **corvillón 2** *s.m.* Ver ARCOXO 2 /10049. A nosa fonte escribe *corbillón* e defíneo como "acorzo". Ver ACORZAR. Non excluímos que exista aquí unha metonimia, pola que tamén se designa a rexión da pata na que se coloca a pexa deste nome. (Ancares2).

10063 **ensolta** *s.f.* Ver SOLTA 1 /10076. (Piquín).

10064 **garrote 1** *s.m.* Pexa que se lle pon ás vacas pouco mansas para que non pateen ó muxilas. (Mra.).

10065 **lazo** *s.m.* Torniquete con que se inmobilizan as vacas para muxilas, exploralas, etc. (Cerd2).

10066 **mancorna 1** *s.f.* Acción e efecto de mancornar. (ERG).

10067 **mancorna 2** *s.f.* Corda coa que se atan polos cornos dúas reses de gando vacún. (ERG).

10068 **maniota 1** *s.f.* Ver PEXA 1 /10073. C. García explica nun dos seus artigos que *antes foi corrente denominar estas cordas, paos ou cadeas coa voz 'maniota', como se fai en portugués e castelán, pero dado que esta palabra en galego adquiriu o sentido de 'dor muscular' deixou de ser sinónimo de 'pexa' ou 'solta'* (CGG2: *Cadarmes e acabramos*, 474). (CGG2, Toba).

10069 **palanca 1** *s.f.* Torniquete con que se inmobilizan as vacas para muxilas, exploralas, etc. (Car2, CTui, Rama.).

10070 **pega 1** *s.f.* Ver PEXA 1 /10073. ERG escríbeo *pèga*, indicando que é con e aberto. (ERG).

10071 **pela 2** *s.f.* Ver PEXA 1 /10073. (Xun2).

10072 **pesa** *s.f.* Ver PEXA 1 /10073. Aparece na locución *poñerlle unha pesa*. (CarbCo).

10073 **pexa 1** *s.f.* Corda ou correa coa que se atan dúas patas do gando para que non fuxa. Nótese que a *pexa* ata dúas patas, mentres que o *cadarme* ou *maniota* ata os cornos do animal a unha das patas. Os dous trebellos teñen como finalidade evitar que os animais boten a correr, pero o *cadarme* tamén se utiliza para que a vaca non dea patadas ó muxila. C. García di que este é o nome común na parte sur de Galicia, sendo *solta a voz máis estendida e máis corrente en toda Galicia*. Engade que procede da voz latina *pedica*, derivada de *pedem*, pé (CGG2: *Cadarmes e acabramos*, 474). (Cal., CGG2, Ctel1, ERG, Goián, JMP, Mez., Mra., Pantón, Porto, Ram., Sete-L, VFrore., Vil., Xun.).

10074 **pexa 2** *s.f.* Peza de madeira que se amarra por un extremo á pata da vaca, de xeito que ó andar, golpea na outra e dificulta a marcha. A. Liste distingue así as *pexas* das bestas, que describe como ataduras de coiro, corda ou ferro, e que se lles pon nas dúas patas do mesmo lado ou cruzadas, e as *pexas* das vacas, pezas de madeira cunha abrazadeira nun extremo coa que se suxeita a unha pata. Ó andar, o outro extremo golpea na pata libre e así lle impide a marcha rápida e o salto. En contradición con esta diferenciación, temos

numerosas informacións que testemuñan o nome de *pexa* para a corda ou cadea que ata dúas patas da vaca. Tamén C. García explica que *no resto de Galicia, especialmente na súa parte Sur, o máis normal é denominar esta corda ou cadea que traba o movemento de vacas e bois 'pexa'* (CGG2: *Cadarmes e acabramos*, 474). (AL1).

10074b **pexada** *s.f.* Corda coa que se ata un animal a unha estaca. (XLFG).

10075 **piolla 3** *s.f.* Pexa para inmobiliza-las vacas. Supoñemos que porque se utiliza a tal fin a *pioga* do xugo. (Arzón).

10076 **solta 1** *s.f.* Ver PEXA 1 /10073. (CP, ERG, Gro1).

10077 **soltia** *s.f.* Ver SOLTA 1 /10076. (Toba).

10078 **tarambollo** *s.m.* Cepo que se prende ó pescozo ou pé dos animais para que non poidan fuxir. Xa o recollera antes Sarmiento, pero aplicado especificamente ós cans: "Un tronco, cepo, maza, palo, etc., y en especial aquel palo que ponen a los perros para que no salten a las viñas; y se dice que uno *no vale para tarambóllo de un can*" (Catálogo VF 1745-1755). (LCA1).

10079 **tralla 4** *s.f.* Torniquete con que se inmobilizan as vacas para muxilas, exploralas, etc. Aparece na voz *entrallar*. (Lañas).

10080 **trambollo** *s.m.* Pexa que se lle pon nas patas ós animais. (ERG).

10081 **tranca** *s.f.* Torniquete con que se inmobilizan as vacas para muxilas, exploralas etc. Aparece na voz *atrancar*. (Burela1, Lucí, Randu., Vmaior).

10082 **tranga 2** *s.f.* Ver TRANCA /10081. (Xun-E).

10083 **xolta** *s.f.* Ver SOLTA 1 /10076. Notable a palatalización do ese inicial. (Mondo2).

10084 ***anilla** *s.f.* Torniquete con que se inmobilizan as vacas para muxilas, exploralas etc. (Cer., Meir.).

10085 **acabramado** *adx.* Ver PEXADO /10089. *Sen embargo nos citados textos de Daniel Cortezón vímolo emprego da voz 'acabramado', participio do verbo 'acabramar', que xa está rexistrado no dicionario de Cuveiro, do século pasado, coa mesma significación cás outras voces xa citadas* (CGG2: *Atar patas e cornos*, 754). Refírese á obra *A vila sulagada*, de Daniel Cortezón. E as outras voces xa citadas son: *acabicornar*, *cabicornar* e *acaboardar*. (CGG2, VLLM).

10086 **apexado** *adx.* Ver PEXADO /10089. (VLLM).

10087 **cabicornado** *adx.* [Animal] cunha pata dianteira atada a un corno para que non poida correr. Ver nota a CABICORNAR /10114. (CGG2).

10088 **dapexado** *adx.* Ver PEXADO /10089. (VLLM).

10089 **pexado** *adx.* [Boi] ó que se lle pon a pexa nas patas para que non saia do prado. (VLLM).

10090 **trabado** *adx.* Ver PEXADO /10089. (VLLM).

10091 **acabicarmar** *v.* Ver ACABICORNAR /10092. (LG).

10092 **acabicornar** *v.* Atarlle [a unha vaca] unha pata dianteira a un corno para que non corra. (Ben., Ced., LG).

10093 **acaboardar** *v.* Ver ACABICORNAR /10092. C. García recolle a opinión de José Pedro Machado, para quen *caboardo* e *acaboardar* proceden dun derivado do latín *capulum*, diminutivo de *caput*, que deu orixe ó noso *cabo* co significado de corda (CGG2: *Cadarmes e acabramos*, 474; *Atar patas e cornos*, 754). (Cab., CGG2).

10094 **acaboarmar** *v.* Ver ACABICORNAR /10092. (Vi-Val).

10095 **acabramar** *v.* Ver ACABICORNAR /10092. (CGG2, CP, ERG).

10096 **acadarmar 1** *v.* Colocarlle [á vaca] o cadarme para que non dea patadas nin salte os valados. C. García recolle tamén o uso figurado deste verbo no seguinte exemplo quitado de Noriega Varela en *Como falan os brañegos*: *Acadarmárono, ou acabicornárono ou puxéronlle o xabrexugo: "contrajo matrimonio"* (CGG2: *Atar patas e cornos*, 754). (Arcos, CGG2, LG, Pica).

10097 **acadermar** *v.* Ver ACADARMAR 1 /10096. (Vala.).

10098 **acorzar** *v.* Atar unha das patas dianteiras [da vaca] para que non dea patadas ó muxila. A operación consiste en atarlle unha pata dianteira flexionada, de modo que queda apoiando unicamente nas outras tres. Deste xeito resulta imposible que coucee. (Ancares2).

10099 **acoxalar** *v.* Ver ARCOXAR /10108. (Cang3, Neves2).

10100 **acoxar** *v.* Ver ARCOXAR /10108. (Bolo, Peno.).

10101 **agarrotar** *v.* Poñerlles un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen. (Mra.).

10102 **alcorsar** *v.* Ver ARCOXAR /10108. (LG, Nogais).

10103 **alcoxar** *v.* Ver ARCOXAR /10108. (Alence, Ped1).

10104 **apalancar** *v.* Poñerlles un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (CTui).

10105 **apeazar 1** *v.* Poñerlles unha solta [ás vacas], atándolle un pé cunha corda longa a unha estaca espetada na terra. Nótese que non é o mesmo que *apear*, que equivale a pexa-lo gando atándolle dúas patas entre si. (ERG, LCA, LG).

10106 **apiazar** *v.* Ver APEAZAR 1 /10105. (Carb3, Lestón, Noice).

10107 **apiollar** *v.* Poñerlles un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. Cabe supoñer que fan esta operación coa pialla do xugo, peza de tamaño e flexibilidade axeitadas para rodea-la pata e poder ser apretada pasando un pau polas asas nas que remata. (Arzón, Dozón).

10108 **arcoxar** *v.* Ver AGARROTAR /10101. A voz deriva de que para tal acción se utiliza o arcoxo. (Arroxo, Barre., Burón, Estr3, Estr4, Nove2, Oliv., Piquín, Razo, Rib-S, Ribe1, Sabu2, Suarna, Xudán1).

10109 **arrexetar** *v.* Poñerlles un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. Tendo en conta que en Parga din *xarretar*, temos algunha dúbida de se esta voz non será *axerretar*, dado que se trinca o animal na zona do xarrete.(Antas3).

10110 **arrochar** *v.* Poñerlles un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. Coñecemos de certas zonas de Galicia, como Marín, a palabra *rocho*, co significado de cuarto pequeniño que se utiliza como trasteiro. É posible que *arrochar* sexa tamén "meter nun rocho" pero non o podemos afirmar. (Pedro.).

10111 **asoltar** *v.* Ver SOLTAR 2 /10133. (Tab1).

10112 **atrancar** *v.* Poñerlles un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Burela1).

10113 **cabestrar** *v.* Ver ENCABESTRAR /10120. (Cruído).

10114 **cabicornar** *v.* Ver ACABICORNAR /10092. *Lendo 'A vila sulagada' de Daniel Cortezón atopei que usa unha variante de 'acabicornar', palabra que está rexistrada nalgúns dicionarios. Trátase de 'cabicornar', segundo vemos nestas frases: 'vacas pacendo, víndoo asesgar, ás veces apeazadas, outras cabicornadas... berrarlles: 'esmoleiros', 'apeazados', 'acabramados', 'cabicornados'* (CGG2: *Atar patas e cornos*, 754). Recolle igualmente outro exemplo da aplicación desta forma de traba-las vacas para muxilas sen dificultades: *seguían lindando e muxindo as vacas como sempre, cabicornando as máis túzaras*. (CGG2).

10115 **cibelar** *v.* Colocarlle a cibela [a unha vaca] para evitar que fuxa. Neste caso, a *cibela* é unha pexa que se lle ata ás patas, non a pialla que suxeita a vaca ó xugo por baixo do pescozo, acepción máis comun desta palabra. (LG).

10116 **coutar 5** *v.* Poñerlles un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Antas3).

10117 **couzar** *v.* Ver COUTAR 5 / 10116. (Pravio).

10118 **cubrestar** *v.* Pexar [as vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Com1).

10119 **empotrar** *v.* Poñerlles un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. *Potro* é un mecanismo de ferro ou madeira ancorado no chan, para suxeita-las vacas. Realmente teñen que ser moi bravas as vacas para que haxa que metelas nun potro para muxilas, pero temos rexistradas as voces *empotrar* e *potrar* co valor de poñer un torniquete ás vacas pouco mansas para muxilas. (Consta., Peroxa, Saiar).

10120 **encabestrar** *v.* Poñerlles un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Cruído).

10121 **enratar** *v.* Pexar [o gando]. (Piquín).

10122 **ensoltar** *v.* Ver SOLTAR 2 /10133. (Piquín).

10123 **entrabar** *v.* Ver TRABAR /10136. (Piquín).

10124 **entrallar** *v.* Ver ENTRASGAR /10125. (Lañas).

10125 **entrasgar** *v.* Pexar [as vacas] coa trasga para que non pateen cando se moxen. Hermi. explica o seguinte: *Cando había que inmobilizar a pata do animal, dobrábase a pata e pexábase con este aparello para que non dera patadas*. (Carr-G, Fol-LE, Hermi., Mez).

10126 **esposar** *v.* Poñerlles un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. Parece ser *poñe-las esposas*. (Cam4).

10127 **mancorneiar** *v.* Atarlle unha corda [á vaca] desde un corno á pata. (LP).

10128 **pealar** *v.* Poñerlles un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Cere).

10129 **pesar** *v.* Ver PEXAR 1 /10130. Notable a despalatalización do xe. A nosa fonte en Ribó escribe *pesarlas (se atan)*. (Morga., Ribó, Valad1).

10130 **pexar 1** *v.* Trabarlle-las patas [ó gando] cunha corda ou madeira (pexa). O obxectivo é que non dea couces ó muxila ou dificultarlle a marcha para que non fuxa. En sentido figurado, é palabra moi usada polos nosos escritores: *tendo as maus pexadas coas esposas... e todo porque o teñen pexado coma unha besta* (Blanco Amor), *pexando por calisquer medio, as ambicións dos españois* (Méndez Ferrín), *pexa a túa gula* (C.E. Ferreiro) (exemplos citados por CGG2: *Pexar e soltar*, 755). (Baltar, Bar-Co., Busta., Carbal., Carño2, CGG2, Chan., Corb., Ctel1, ERG, Enxames, Fara., Gaxate, Goián, Guil2, JMP, Laiosa, MCouso, Melias, Mosen., Mour1, Mra., Pantón, Piñei2, Piñor, PSeca, PSil, Sisán, Verdu., Veste., Viso1, Viso2, Vnova2, Vrei., Vxoán., Xeve, Xun.).

10131 **potrar** *v.* Ver EMPOTRAR /10119. (Vnova2).

10132 **prender 2** *v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. Crendes recolle *prender un pé*; Neda, *prender a pata*. (Aranga, Borre., Com4, Crendes, Dum., Eixo, Neda, Poulo, Saiar, Vviño).

10133 **soltar 2** *v.* Pexar [as vacas] para dificulta-los seus movementos, a marcha ou que se reboten contra a xente. (Arzón, Bidu., Buga-A, Calo, Camba, Carde., Casal., Cast., CGG2, Culle., Cur1, Fre., Fuxás, Gui., Macei., Medín, Negral, Nive., Noal, Oirán, Oroso2, Ortoño, Oza, Pade., Parga, Rendal, Ribad., Santi., Vala1).

10134 **soltare** *v.* Ver SOLTAR 2 /10133. (Pre.).
10135 **tortoxar** *v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Cervá1, Cervá2).
10136 **trabar** *v.* Pexar [as vacas]. (CReis2, Tabor., Zamáns).
10137 **trambollar** *v.* Poñerlle trambollos nas patas [ós animais]. Ver TRAMBOLLO /10080. (ERG).
10138 **trancar** *v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Somo2).
10139 **tranquear 1** *v.* Ver TRANCAR /10138. (Fózara).
10140 **xarretar** *v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas], no xarrete, para que non pateen cando as moxen. (Parga).
10141 ***anillar** *v.* Ver POÑER UNHA *ANILLA /10157. (Meir.).
10142 **amarrar as patas** *loc. v.* Ver AMARRAR 1 /10036. (Rib-E).
10143 **amarrar unha perna con corda** *loc. v.* Ver AMARRAR 1 /10036. (Baíñas).
10144 **ata-la perna** *loc. v.* Ver ATAR /10038. Agrupamos nunha soa as formas que nos dan os nosos informantes: *atarlle as pernas* (en Sofán), *atarlle unha pata* (Sabu3), *atarlle unha perna* (Valen.) e *atar as pernas datrás con unha corda* (Figue1). (Couce., Figue1, Sabu3, Sisto, Sofán, Valen).
10145 **atar a unha corda** *loc. v.* Ver ATAR /10038. (Couce).
10146 **cubresta-las pernas** *loc. v.* Ver CUBRESTAR /10118. (Lava.).
10147 **mete-la corda** *loc. v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Razo).
10148 **meter o xuliño** *loc. v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Oroso2).
10149 **poñe-la solta** *loc. v.* Ver SOLTAR 2 /10133. Unimos nun mesmo rexistro as distintas formas que nos dan os nosos informantes: *poñerlle a solta* (en Anseán, Callo., CarbCo., Carr-C, Couso, Cunt2, Fol-C, Lagar. e Miñor2); *poñerlle solta* (en Buga-N) ou *poñe-la solta* (en Bidu., Buga-A, Calo, Figue2, Lañas, Oroso1, Pal. e Rus). (Anseán, Bidu., Buga-A, Buga-N, Callo., Calo, CarbCo., Carr-C, Couso, Cunt2, Figue2, Fol-C, Lagar., Lañas, Negra., Oroso1, Pal., Rus).
10150 **poñe-lo lazo** *loc. v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Cerd2).
10151 **poñer a foxa** *loc. v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. A nosa fonte escribe textualmente *poñerle a foxa*. Ningunha outra fonte consultada nos dá para esta palabra ningún significado que nos oriente. Quédanola dúbida de que non sexa *foxa* senón *pexa*. (Samos3).
10152 **poñer a tranca** *loc. v.* Ver TRANCAR /10138. (Lucí, Randu., Vmaior).
10153 **poñer a xolta** *loc. v.* Ver POÑE-LA SOLTA /10149. (Mondo2).
10154 **poñer o pao** *loc. v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. Corresponde esta información a algún lugar indeterminado da provincia da Coruña. (ILG).
10155 **poñer unha palanca** *loc. v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Car2, Rama.).
10156 **poñer unha pesa** *loc. v.* Ver PEXAR 1 /10130. Aínda que a nosa fonte di *pesar* non estamos seguros de que a despalatalización do xe, característica da área pontevedresa, chegue neste caso a Cotobade, xa que en zonas limítrofes dise claramente *pexar* (Caritel, Caxate, Mourente e Verducido). (CarbCo).
10157 **poñer unha *anilla** *loc. v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Cer.).
10158 **pór unha pexa** *loc. v.* Ver PEXAR 1 /10130. (Ctel1, VFrore.).
10159 **prender a unha corda** *loc. v.* Ver PRENDER 2 /10132. (Bas).
10160 **termar da perna** *loc. v.* Poñerlle un torniquete [ás vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. (Cur.).

Acabramado millora pouco o gado. (VLLM:1,127) [336]
Boi apexado non pasa o valado. (VLLM:1,136) [337]
Boi co acabramo non deixa o prado. (VLLM:1,133)
Boi dapexado non salta o valo. (VLLM:1,136) [338]
Boi dapexado, non se sal do prado. (VLLM:1,133) [339]

[336] Llópiz define *acabramado* como *res vacuna a la que se le tiene puesta la maniota para que no se escape del prado o monte donde pace*. A voz recolleuna de Martín Lázaro, prof. vet. en Pontevedra.
[337] Llópiz recólleo en Riotorto (Lugo).
[338] Llópiz recólleo en Cabanas, onda Pontedeume.
[339] Llópiz explica que *dapexado* é pexado, e que a pexa ou acabramo non lle deixa facer movementos rápidos nin continuados. Recólleo de A. Abelaira e de E. Gayoso.

Boi pexado non pasa o valado. (VLLM:1,136) [340]
Boi trabado, non salva o valado. (VLLM:1,136) [341]
O boi dapexado non chouta/salva o valado nin sae do prado nin dá paso ben dado. (VLLM:1,146) [342]
O boi dapexado non se sal do prado. (VLLM:1,146) [343]
O boi pexado non sal do prado. (VLLM:1,133)

9.3.2.2. Suxeita-la vaca polas ventas



Suxeitar polas ventas (Facultat de Veterinària. Universitat Autònoma de Barcelona).

Acción que se fai fundamentalmente para explorar, cubrir ou insemina-la vaca. Consiste en inmobiliza-la vaca colléndoa cunha man por un corno e coa outro polas ventas, meténdolle os dedos nas fosas nasais e premendo o tabique nasal. Nos bois refórzase esta manobra co *narigón*, un anel de ferro que se lles pon no fociño. Véxase o testemuño de Ctel1 en 9.4.4.1.

10161 **aceal** *s.m.* Tenaces de ferro coas que o ferrador suxeita o animal polo fociño para que non se rebote. É de ferro para os bois e de madeira para as bestas. (CP).

10162 **binco** *s.m.* Anel de ferro que se lle pon ó boi no fociño, polo que o conduce o labrego. (VGR).

10163 **narigón** *s.m.* Arandela de ferro que se coloca nas fosas nasais do gando vacún para domealo. (Ancares2, Cal., Fri., Gud5, Hermi., Lan., Pantón, Vilaf., XER).

10164 **narizón** *s.m.* Ver NARIGÓN /10163. (Sarria4).

10165 **abocar 1** *v.* Suxeitar polas ventas [unha vaca] para que non se mova durante a inseminación ou unha exploración. "Se *aboca* una vaca introduciéndole en la nariz los dedos pulgar e índice de una mano y levantándole la cabeza; un hombre fuerte sujeta así a cualquier *bicho*" (Gud7:51). Ademais, Borre., Callo., Vnova2 din *abocarle* que nos parece puro despiste gráfico, pero realmente este verbo con obxecto indirecto está aínda así manco por falta-lo obxecto directo (*que lle abocan*). (Cal., Cang2, Carr-G, Cere., Enxames, Goián, Gond., Gud7, LG, Mez., Mra., Noalla, Rama., Ribad., Saiar, Valad1, Valad2, Vil., Vrei., XER).

10166 **aboucar** *v.* Ver ABOCAR 1 /10165. (Gud5).

10167 **abruscar** *v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova. Fol-LE dá a forma *abuscar*, que nos parece un erro por *abruscar*, que aparece recollido así en vocabularios leoneses con este mesmo significado. (Val-LE).

10168 **abufarrar** *v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova. Sendo común a denominación de *ventá*, *venta* ou *ventana* para designa-las fosas nasais, esta é a única

[340] Llópiz explica que *entrabado, trabado, pexado e dapexado* é o animal ó que lle colocaron a traba ou maniota para que non poida correr nin fuxir. Recólleo en Riotorto (Lugo).
[341] Llópiz: *travado*, *balado*. Recólleo en Moncoso (Vilalba).
[342] Llópiz: *sale*, *da*, *balado*.
[343] Llópiz: *sal* por *sae*; recólleo de A. Abelaira e de J. F. Losada.

voz que recolle con tal significado a palabra *bufarra* (ventá pequena, tragaluz). (Antas3).

10169 **aciquear** *v.* Abocar, suxeitar [un animal] polas ventas. *Aciquea ó touro, xa verás cómo non se move*. ¿El será unha galeguización dun verbo derivado do castelán *hocico*? No DRAE, *hociquear* remite a *hocicar* e nesta non hai ningunha acepción que sexa suxeitar polas ventas un animal; pero existe unha 6ª acepción figurada e familiar que parece indicar que antes debeu de ter este sentido, aplicado á xente: "Verse obligado a soportar algo desagradable o molesto". (LG, Xun2).

10170 **acoutar** *v.* Ver COUTAR 4 /10182. (Cam4).

10171 **alventar** *v.* Ver AVENTAR 1 /10176. (Piñei2, Xun2).

10172 **amordasar** *v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova. (Cruído).

10173 **anarigar** *v.* Ver NARIGAR /10184. (Mira.).

10174 **ater 1** *v.* Suxeitar [a vaca] para que a cubra o almallo. (Burón, LG, Piquín, Suarna).

10175 **atourar 2** *v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova cando a cobre o boi ou no momento da inseminación. (Cang2, Carr-G, Cere., Enxames, Noalla, Rama., Ribad., Saiar, Valad1, Valad2, Vrei.).

10176 **aventar 1** *v.* Suxeitar [as vacas] polas ventas do nariz durante a inseminación para que non se mova ou para practicar algunha exploración. *Os 'chaláns' arrodeaban algunhas mozas, tratando de aventalas pra mirarlles os dentes e de cofealas pra ver se eran mansas, endebén que ó cabo tivéronas que deixar por bravas* (GB2:22). (Común).

10177 **aventar 2** *v.* Poñerlle o narigón [ós bovinos]. (Saiáns).

10178 **aventare** *v.* Ver AVENTAR 1 /10176. É un caso de representación gráfica do e paragóxico que respectamos, aínda que isto non quere dicir que unicamente se rexistre nestes dous lugares de Galicia, sendo como é común a case toda Galicia en certas circunstancias. (Ces., Pre.).

10179 **barbear** *v.* Ver NARNEAR /10186. O noso informante de Ibias1 fai constar que "el Dic. Ac. trae la palabra con nota de mejicanismo". Efectivamente, o DRAE defíneo como "fig. Méj. Asir una res vacuna, particularmente si es pequeña, por el hocico y el testuz o el cuerno, y haciendo fuerza con las manos en direcciones opuestas, tocer el cuello hasta dar en tierra con el animal". (Ibias1., Ped1).

10180 **beizar** *v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova. Nótese que realmente non se colle polos beizos como si que se fai nos cabalos. (Rib-S).

10181 **coller 2** *v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova. (Dis.).

10182 **coutar 4** *v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova. (Vala1).

10183 **mefrar** *v.* Suxeitar [a vaca] polos *mefres* ou fosas nasais. (Ibias2).

10184 **narigar** *v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova. (Vill-O).

10185 **narigonar** *v.* Ver NARIGAR /10184. Pode ter que ver con *poñe-lo narigón*, anel de ferro que atravesa o tabique nasal para agarra-la vaca ou, maiormente, o boi. (Peno.).

10186 **narnear** *v.* Ver NARIGAR /10184. (Ben., Ced., Fre., Mondo2, Vala.).

10187 **narniar** *v.* Ver NARNEAR /10186. (Ced., Xudán1).

10188 **termar** *v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova. (Leir-A, Lous.).

10189 **tremar** *v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova. A nosa fonte recolle *tremar dela*. (SComba).

10190 **agarrar polas narices** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Barre).

10191 **agarrar polas ventáns** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Ribe2, Rus, Vcova).

10192 **agarrar polas ventas** *loc. v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova. (Burgo, Callo., Consta., Laxosa, Rábade, Rib-E).

10193 **agarrar polos fuciños** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. Baltar escribe *agarrala por os fuciños*. (Baltar, Oirán).

10194 **agharra-la venta** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Santi.).

10195 **agharra-la ventán** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Buga-A, Negr2).

10196 **agharrar á venta** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Fuxás).

10197 **agharrar ás ventas** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Sende.).

10198 **agharrar polas nascarillas** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Caa).

10199 **agharrar polas ventáns** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Dum.).

10200 **agharrar polas ventas** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Aranga, Culle., Lestón, Razo, Sofán).

10201 **agharrar polo fuciño** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Burela1, Negra.).

10202 **aventa-lo narís** *loc. v.* Ver AVENTAR 1 /10176. (Vxoán).

10203 **bota-las mans ás ventas** *loc. v.* Agarrar [a vaca] polas fosas nasais para que non se mova. (Meir.).

10204 **colle-la ventán** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (TapiaC).

10205 **coller á ventán** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. En Abe.: *coller a vaca á ventán*, en Lampón: *collela á ventán*. (Abe., Lampón).

10206 **coller ás ventas** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. En Cur1: *collela ás ventas*; en Medín: *coller ás ventas*. Couce dá unha forma estraña

coller a ventás que supoñemos quere dicir *coller ás ventás*. (Couce., Cur1, Medín).

10207 **coller pola ventán** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Ortoño).

10208 **coller polas ventáns** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Arzón).

10209 **coller polas ventas** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Arroxo, Baíñas, Carb3, Cast., Cer., Lañas, Negral, Noal, Parga).

10210 **coller polo fuciño** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Anca, Lago).

10211 **coller polos beizos** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Valen).


10212 **coller polos fuciños** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Amandi, VFlore).

10213 **pillar polas ventas** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Oza, Suevos).


10214 **poñer un acial** *loc. v.* Inmobilizar [as vacas pouco mansas] para que non pateen cando as moxen. A nosa fonte dá *axial* (que supoñemos erro de transcrición por *acial* ou *aceal* con seseo de Vigo) como resposta á pregunta do ILG: "agarrar unha vaca polas fosas nasais para que non se mova". Ver ACEAL /10161. (Frei.).

10215 **terma-la venta** *loc. v.* Ver AGARRAR POLAS VENTAS /10192. (Pedro.).

9.3.2.3. Suxeita-la vaca pola virilla



Avrillar unha vaca (Facultat de Veterinària. Universitat Autònoma de Barcelona).



Poñe-lo ferro (Facultat de Veterinària. Universitat Autònoma de Barcelona).

Acción que na feira fan algúns gandeiros para exploraren unha vaca no trato. Utilízase tamén para inmobilizala durante a muxidura ou para facer unha exploración pouco complicada e, con tal fin, existe actualmente no mercado unha ferramenta específica, a modo dunha enorme grampa extensible que vai dende a columna vertebral ata a virilla.

10216 **avrillar** *v.* Suxeitar fortemente polo prego da virilla [unha vaca] para que non se mova durante a inseminación. (Gond.).

10217 **falmegar** *v.* Suxeitar [unha vaca] colléndoa pola *falmega* ou virilla. (Ibias2).

10218 **poñe-lo ferro** *loc. v.* Inmobilizar [unha vaca] cunha especie de grampa extensible que se lle pon dende unha virilla ó cadril contrario. (Ameixe-).

9.3.2.4. Suxeita-la vaca co xugo

Entran aquí esas poucas voces de que falamos antes referidas á inmobilización para munxi-las vacas pouco mansas utilizando o xugo ou algunha peza deste.

10219 **apeazar 2** *v.* Coloca-lo xugo [a unha vaca] para inmobilizala. (LG).
10220 **estrobar 1** *v.* Pexar [as vacas pouco mansas] co estrobo para que non pateen no momento de muxilas. (Ben., Caa., Cab., Ced., Louri., Nove., Vala., Vill-O).
10221 **restrobar** *v.* Ver ESTROBAR 1 /10220. (Meira2).
10222 **trargar** *v.* Ver TRASGAR /10223. (Gud., Porto, Xun-E).
10223 **trasgar** *v.* Poñérlle-la trasga [ás vacas] para que non pateen cando as moxen. (Vil., XER).
10224 **amarrar con estrobo** *loc. v.* Ver ESTROBAR 1 /10220. (Anca).
10225 **poñer a canca** *loc. v.* Inmobilizar [a vaca pouco mansa] para que non patee cando a moxen. Ós porcos pónselle unha especie de colar cadrado e voluminoso que lle impide moverse con soltura por sitios estreitos e así non poidan pasar valados nin entrar nas hortas. Mesmo se di *esa corbata quédache coma a canca ós porcos*. Neste lugar aínda se di *dominco* e *nincún* por *domingo* e *ningún*, de xeito que *canca* é a forma local pola máis común *canga*. (TapiaC).
10226 **poñer un loro** *loc. v.* Inmobilizar [a vaca pouco mansa] para que non patee cando a moxen. (SComba).

9.3.3. Ceiba-lo gando

10227 **ceibar 1** *v.* Soltar [o gando que estaba atado]. (Común).
10228 **ceibarse** *v.* Soltarse ou saír [un animal que estaba preso ou pechado]. Leiras Pulpeiro escribe *ceivarse* (MLP:432). (ERG, MLP).
10229 **desacurralar** *v.* Sacar [o gando] dos corrais ou cercados. (ERG).
10230 **desencurralar** *v.* Ver DESACURRALAR /10229. (ERG).

9.3.4. Muxir

Xa vimos en 7.7.5. que o becerro mama preferentemente polo lado esquerdo. Algúns mesmo lle chaman ó lado esquerdo do ubre *o lado da cría.* Resulta curioso, porque a natureza dotou a vaca de catro tetos: polo tanto, parece natural que o becerro mame dos tetos esquerdos pola esquerda, e dos tetos dereitos pola dereita. A tendencia de moitos becerros a mamaren do lado esquerdo pode ser resultado de que casualmente os primeiros días fixérono así e quedóulle-lo hábito. Pero, cando os becerros van grandes e o leite non lles chega, moitos becerros maman dun lado e despois van mamar do outro. E aínda, por veces, van mamar mesmo dende atrás, feito, este, que a vaca normalmente só llo consente á súa cría.

A xente adoita muxi-las vacas polo lado dereito e en diferentes lugares mesmo se lle chama a ese lado *o lado da dona* (*A vaca múngue-se polo lado da dona, que é o da dereita*, Parade.:148). Din algúns gandeiros que todo procede de que o becerro tende a mamar pola esquerda e que, como a cría ten preferencia para escolle-lo sitio habitual, impón esa preferencia. Outros, en cambio, (Carte5) din que iso procede de que, sendo dereita a maior parte da xente, dálle máis xeito (ou como din en Carballedo *dá mellor de mau*) muxir pola dereita; pero que, en cambio, as persoas manichas ou esquerdeiras tenden a muxir preferentemente pola esquerda.

Cando a vaca acaba de parir, algunhas veces moxen algo de costro para a cría e nese caso faise por calquera lado, porque ó rematar de parir, a vaca está como anestesiada e déixase facer sen moito problema.

A vaca, animal de costumes, afaise a esta distribución da mama e da muxidura e pode patear cando quen a moxe vai por un lado distinto do que ela está afeita. *E a vaca que non é legal patea tanto se a menxen dun lado coma se menxen do outro* (Ctel1).

Igualmente, cando un veterinario ten que explorar unha vaca adoita achegarse sempre polo lado dereito, porque dese lado a maior parte das vacas son máis mansas e déixanse explorar con máis docilidade.

O que resulta curioso é que a maior parte dos debuxantes ou pintores adoitan reproduci-la muxidura poñendo a xente a muxir pola esquerda [344], feito que, máis que revelar observación da realidade, revela que

[344] Pola dereita aparece, entre moitos outros casos, xa nun gravado exipcio da V dinastia (*Egipto,* Círculo de Lectores, 192. Ordeño, dinastía V. Tumba de Saqqara 60, Ty.). No noso tempo, Castelao ten dous bocetos do cartel do Estatuto de 1936 nos que se moxe pola dereita: un pode verse en *Castelao y nosotros los comunistas* (Ed. do Castro, Sada 1984) e outro en *Cousas da vida*, 12.02.1933) este co pé *Si pensas que debe seguir muxindo a vaca quen non lle dá de comer, sigue boicoteando o estatuto* (px. 361). No libro TG-MPG: *A gandaría, tesouro de Galicia*, 67 e 132 (este dun manuscrito medieval) hai outros dous casos. Tamén fan muxir pola dereita David Ferrando ("Unha idea rentable", *Feiraco*, 283) e Pinto & Chinto (*La Voz de Galicia* 23.11.2007).
Pero é moito máis común que se debuxen muxindo pola esquerda. Castelao ten outros tres debuxos muxindo a vaca pola esquerda. Un da cartelería do referendo do Estatuto de 1936 (que parece que foi realizado por Díaz Pardo por encargo do propio Castelao) e outros previos, con estes pés: *Así quixeron que fose sempre a nosa terra* (25.11.1923) e *O pucho: agora xa sei porque non me deixaban*

quizais eles tenden a debuxa-los seus personaxes mirando para a esquerda [345]. Tamén resulta maioritario representa-los becerros mamando pola esquerda.



Cartel de Castelao polo Estatuto de 1936.

Pero nos sistemas mecánicos e automáticos de muxidura que hoxe existen nas explotacións máis grandes xa é moi frecuente muxir por detrás, o que significa que a vaca tamén se afai a esa posición. Na sala de muxidura moxen por detrás porque así está deseñada a sala, para que ocupen menos espazo e tamén para que non poidan dar patadas.

10231 **fumazo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Remedio tradicional para acouga-las vacas no momento do muxido. (LG).

10232 **lado da dona** *s.comp.m.* Costado da vaca onde a muller senta ou se anica para munguila. Adoita se-lo dereito. Ver LADO DA CRÍA /6970, no capítulo 7. *Reprodución*. *'Munxir' ou 'munguir' é* [...] *tirar o leite das vacas e das cabras* [...] *nunha 'canada' polo 'lado da dona', en que a muller se senta á dereita, ou seña, pola dereita, que é o lado dereito da vaca... A vaca múngue-se polo lado da dona, que é o da dereita*. (Parade.:148).

10233 **moncedor** *adx.* [Persoa] que moxe as vacas. (Piquín).

mamar a min. En *El Barbero municipal* de Rianxo (3.12.1910) xa aparecera o mesmo concepto co pé *Pobre teixa esgurrumiada.* É curiosa a contraria orientación dos bocetos de Castelao e a do cartel final. Outros que lembramos que debuxaron muxidores pola esquerda son Xaquin Marín (*La Voz de Galicia*, 26.10.1991); Siro (*La Voz de Galicia* 7.09.1995), Pinto & Chinto (*La Voz de Galicia* 15.06.2003), O Carrabouxo en dúas ocasións; J. Tomás (*La Voz de Galicia* 22.06.2002) e Nachortas (*La Voz de Galicia*, 25.06.2006). Por detrás atrévense Pinto & Chinto (*La Voz de Galicia* 27.07.2002).

[345] É curiosa esta tendencia. A razón pode estar en que os pintores sempre pintan coa luz pola esquerda; cando se le tamén se fai así; cando se deseña un estudio, hai que ter en conta tamén que a luz entre pola esquerda: é unha cousa de sempre; dino os diversos tratados. Algúns pintores din que, cando pintan un cadro, resúltalles mais doado poñerlle a sombra á dereita que á esquerda. A explicación haberá que investigala. Algúns din que a luz da esquerda é a luz con lóxica visual. Pero, se cadra, ten máis que ver co feito de que a maioría escribimos coa man dereita e a luz da esquerda é a que impide que fagamos sombra sobre aquilo que escribimos. Ignoramos se esa tendencia a poñe-la luz na esquerda é a que leva a poñe-los protagonistas dos cadros mirando para a esquerda. En calquera caso, muxir pola dereita é en todo o mundo o maioritario e algunha razón debería haber.

10234 **albañar** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Cang1, LG).
10235 **amoxar 2** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Mez.).
10236 **amuxir** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Mez.).
10237 **apoxar 4** *v.* Poñerlle o becerro [á vaca], despois de muxila, para que estimule o ubre, e tirarlle así o último leite. Franco Grande di que esta mesma operación se fai dando pequenos golpes no ubre, para estimula-la exección do leite. *Las vacas 'leiteiras' (lecheras) tienen una gran ubre que a veces se le 'amolece' antes de 'muxir' (ordeñar), es decir, se le lava con jabón para darle la sensación de que 'apoxa' (mama, empuja) el ternero* (San.). (Caa., Mel2, San., XLFG).
10238 **catar 1** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Luarca).
10239 **desleitar 2** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (ERG).
10240 **lavar** *v.* Limpar [o ubre], antes de muxir, con auga morna e as mans lavadas. A nosa fonte recolle *lava-lo úbere* e *lava-los tetos*. (Parade.).
10241 **mecer** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (FA, Vill-O).
10242 **menxer** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Ctel1, Marín).
10243 **mexir** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Ver1).
10244 **mocer** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Ibias1).
10245 **moncer** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Burón, Piquín, Suarna).
10246 **monxer 1** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. MVN escribe *monjer*. (Bar-Co., Borre., Cang3, Fózara, Frei., Gaxate, Goián, Guil2, Morga., MVN, Neves2, Nigr., Randu., Salc4, Tabor., Valad1, Valad2, Verdu., Viso1, Viso2, XER).
10247 **monxere** *v.* Ver MONXER 1 /10246. (Zamáns).
10248 **monxir** *v.* Ver MONXER 1 /10246. (Oliv.).
10249 **mouxer** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (CTui, Mosen., Rama.).
10250 **moxer** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. MVN escribe *mojer*. CMS2:392 escribe *moser* con acento circunflexo inverso enriba do *s*. (CMS2, MVN).
10251 **moxir** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. MVN escribe *mojir*. *Non moja-l-a vaca que tèn pouco leite*. (MVN:389).
10253 **muncir** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. SCHU localízao na Fonsagrada. (SCHU).
10254 **munghir 1** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. Piñei2 escribe *mungir*. (Carbal., Fara., Melias, Peno., Piñei2, Samos3).
10255 **munguir 1** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. *As vacas múnguense á mañán cedo e á noite e se son 'tenreiras', paridas de fresco, múnguense tamén pol-o meio día* (Velle1:135). (Abele., Alla2, Beta., Busta., Cal., Chan., Chan1, Consta., Dis., ERG, Incio, JEFA, JMP, Laiosa, Lamas, Lobe., MLemos, Mon., Mra., Pantón, Penela, Peno., Piñe., PSeca, PSil, Ram., Ribó, Sabu2, Sabu3, Sandiás, Sete-L, Taboa., TCha, Trives1, Velle1, Ver1, Veste., VFrore., XLF).
10256 **munxir 1** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. A información de Hilda Otero (HOP) corresponde neste caso a Bandeira (PO). ... *se no necesito pois está aí, pero por ejemplo incluso sei munxi-las vacas e todo eso* (Lourei2). ... *anque sea munxi-las vacas èrache duro todo porque levaches máis patadas que chicas dan por un duro* (Lourei2). MVN escribe *munjir*. (Amandi, Baltar, Barre., Bolo, Carño2, Cervá2, Crendes, Culle., Damil, ERG, FMS5, Fre., Gro1, HOP, Lava., Lourei2, Meira2, Mel2, Mon., MVN, Nove2, Pade., Per1, Piñor, Ram1, Samos3, Sarre., Sisán, Ver1, VFrore., Vilar, Xun.).
10257 **muñir** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. VGR localízao nos Ancares leoneses. (Fol-LE, Ibias2, VGR).
10258 **musir 1** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Baíñas, Dum.).
10259 **muxir 1** *v.* Tirarlle o leite do ubre [á vaca]. *Que moxan eles, que eu xa vou vella e xa muxín toda a miña vida a mais de sete vacas diarias* (Cur.). *Había que muxi-lo gando. Había que xuntar leña pra o lume prá cena, había que facer moitas cousas según o traballo en cada casa* (Rece). Hai cinco localizacións que aparecen unicamente nesta voz e, neste caso, querémolas especificar para que non queden ocultas no global *Común*: son Narón, Negr1, Riba4, Sera. e Vigo4. (Común. ILG:145 (C:85, LU:24, OU:6, PO:30)).
10260 **muxire 1** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Ces., Fuxás, Razo, Rib-E, Tab1).
10261 ***ordeñar** *v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Cang2, Car2, Ribe1, Val-LE, Vxoán).
10262 **axeité-lo aleixo** *loc. v.* Ver MUXIR 1 /10259. "*Muxir lo leite*, *axeité lo aleixo* (antiguam.) ordeñar. El segundo aún se usa, pero solo con la significación de 'exprimir los pezones para que baje la leche'". (Ancares2:198).
10263 **face-lo munxido** *loc. v.* Ver MUNXIR 1 /10259. (Parade.).
10264 **saca-lo leite** *loc. v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Corb., Sisán).
10265 **tira-la leite** *loc. v.* Ver TIRA-LO LEITE /10266. (Noalla).
10266 **tira-lo leite** *loc. v.* Ver MUXIR 1 /10259. (Gro1).

A vaca, canto máis se munxe, máis grande ten o teto. (ERG:vaca)
A vaca, canto máis se muxe, máis grandes ten os tetos. (MC:87)
Canto máis se munxe a vaca, máis os tetos se lle agrandan. (ERG:vaca)
Canto máis se munxe a vaca, máis remollo saca. (VLLM:1,138) [346]

[346] Llópiz: *múnxese*, *mais*; explica que *remollo* é na fala dos Vaqueiros de Alzada a riqueza ou corpo do leite.

Canto máis se munxe a vaca, máis se lle aguza a teta. (VLLM:1,138) [347]
Canto máis se munxe a vaca, o teto máis se lle agranda. (VLLM:1,138) [348]
Inda máis se muxe a vaca, máis teto saca. (VLLM:1,142)
A vaca hai que muxila cando dá leite. (Trazo)
A vaca, ó tocarlle na ubre, leite dá. (XTC4)
¡Dá, vaquiña, dá, que é pra unha necesidá! (EGE:58)
¡Ei, miña xatiña! que te hei de munxir cando sexas vaquiña. (VLLM:1,141) [349]
Horta mal collida e vaca mal munguida, non hai cousa máis perdida. (Grou)
Non múxa-la vaca que teña pouco leite. (ERG:munxir; UCA2:47; VLLM:1,1115; ZM:155) [350]
Non se pode fiar e muxir a vaca ao mesmo tempo. (ZM:157) [351]
Non se pode fiar e muxir ó mesmo tempo. (XSL:53; GILB:124)
O demo é unha vaca e non hai quen a munxa. (Corme1:505; VS)
O que merca boi por vaca, ao munxir se deprocata. (VLLM:1,148) [352]
O que non munxe marela, non fai queixo nin manteiga. (VLLM:1,148) [353]
O que queira leite, que o munxa. (VLLM:1,149) [354]
Pra munguir a vaca hai que darlle herba. (XTC4)
¿Queres leite? - Dille á vaca que cho deite. (VLLM:1,152; ZM:216; VS) [355]
Vaca acalumada déixase munxir. (VLLM:1,154) [356]
Vaca afagada déixase munxir. (VLLM:1,154) [357]
Vaca agarimada déixase munxir. (VLLM:1,154)
Vaca aloumiñada déixase munxir. (VLLM:1,154)
Vaca ameiroada déixase munxir. (VLLM:1,154) [358]
Vaca axeitada déixase munxir. (VLLM:1,154) [359]
Vaca falagada, vaca munxida. (VLLM:1,154) [360]
Vaca ca mosca ningún a munxe. (VLLM:1,155) [361]
Vaca de moitos, ben monxida e mal mantida. (SPP:279)
Vaca de moitos, ben moxida e mal mantida. (EAG:31; MVN; MVN2:102; VS) [362]
Vaca de moitos, ben munguida e mal mantida. (XLF2:68)
Vaca de moitos, ben munxida e mal mantida. (ERG:vaca)
Vaca de moitos, ben muxida e mal mantida. (XTC4; ACC; ZM:244) [363]

---

[347] Llópiz: *mais*; recólleo de V. Muñiz, prof. vet.

[348] Llópiz: *mais se ll'agranda*; di que é var. doutra de Bluteau.

[349] Llópiz: *ch'ei de*; corriximos por coidar que é dubidoso que poidese oírlle a un gandeiro de Monforte (S. M. Rubio) un troco de pronome coma este.

[350] Onde non hai non debe buscarse. Non se lles debe esixir ós outros máis do que racionalmente poden dar. ERG advirte que o afan explotador adoita acarrear grandes prexuízos. No texto: *muxal-a*, *ten pouco leite* (UCA2); *muxas a* (ZM); *Non munxas a vaca que tèn…* (ERG).

[351] No texto: *fiar* (sic).

[352] Llópiz explica que *deprocata* é decatarse e que *munxir* é tirarlle o leite a unha vaca, como é habitual, contra o que podían facer pensa-los refráns paralelos que no lugar de *munxir* teñen *bradar/bruar/urro*. Recólleo de E. Mayobre en Serantellos, preto de Ferrol.

[353] Llópiz recólleo en Vilacampa, en terras do monte Buio preto do Valadouro.

[354] Llópiz: *que a munxe* (sic) que corriximos por coidar que hai erro tanto no pronome feminino coma no subxuntivo. É sospeitoso que cite o cast. *Quien quiera leche que la ordeñe* e mesmo que cite a Carré Aldao (A Coruña 1908).

[355] Llópiz recólleo na *Colección de refranes* de Vicente Risco (Ourense 1953).

[356] Llópiz explica que *acalumada* é aloumiñada.

[357] Llópiz recólleo de Urbano Santana en Xinzo da Limia; explica que a vaca aloumiñada no lombo e nos cadrís déixase muxir mellor.

[358] Llópiz explica que *ameiroada* significa aloumiñada.

[359] Llópiz explica que *axeitada* ten aquí tamén o senso de aloumiñada.

[360] Llópiz recólleo de Martín Lázaro; explica que *falagada* é acariñada pasándolle a man polo lombo para que se deixe muxir.

[361] Llópiz: *cá*; recólleo en Carbia de R. Gontán; explica que cando a asedian os tabáns está irritadiza e rebelde.

[362] Lémbrese a cantiga que recollemos neste mesmo capítulo: *Vén a se-lo ayuntamento*... MVN: *mòitos, bèn mojida*. MVN2: *bén mogida*. Vázquez Saco dános esta equivalencia castelá: *Vaca de muchos, bien ordeñada y mal alimentada* (R. Marín).

[363] O negocio con moitos participantes sempre é malo, termina por esgotarse porque todos coidan do seu. Tamén Chivite recolle esta variante coa mesma intención: *Cunca de moitos, ben lambida e mal lavada*. No texto: *¿Vaca de moitos? Ben muxida e mal mantida* (ZM).

Facer a bogada,
cebar os larengos,
mungir a vaquiña,
tornar o bezerro,
e catar a bosta,
e estrume mareiro
e catar nas pitas
se ten ovos frescos. [364]

As velliñas de Vilar
andan todas derreadas
unhas de tirarlle ó teto
i autras de munguir as cabras. [365]

Louvado san Breixe,
vou munxir a marela,
adepárame bo leite. [366]

Muxindo a vaca Xaquina,
unha figa lle caieu;
porque a gardei no chaleque
o seu amor perdín eu. [367]

Non quero verzas con unto
nin nabizas con aceite,
nin quero monxe-la vaca
e que outros beban o leite. [368]

Pasei pola túa porta
mirei que estabas facendo
estabas muxindo a vaca
pra lle dar leite ao pequeno. [369]

Rosa era costureira
por eso cavar na terra
dela enamorouse Xan
e tamén polo donaire
moito lle quería o mozo
nunca lle deixou facer
Rosa como vía tal
pasaba os días i as noites
mentras Xan muncía as vacas
e poñía o pote ó lume

Se tes unha cagadela
chama a túa nai
que muxa o leite
da vaca marela. [371]

e de... mui fidalga
nunca lle fixera gracia
polo ben que praticaba
que gastaba nas ruadas
e con semellante causa
pinta de labor na casa.
xa non daba unha puntada
cas veciñas de parranda
mentras Xan varría a casa
i hasta lle facía a cama. [370]

Vén a se-lo 'ayuntamento'
coma unha vaca de moitos:
ninguén a quere manter,
mais muxila queren todos. [372]

A viaxe á Coruña [373]

Era un matrimonio e o marido empezou a viaxar á Coruña con certa frecuencia. Un día marchou o marido á Coruña e volveu á noite, xa ben tarde. A muller estaba agardando por el e fóronse deitar.

E para o outro día pola mañá cediño a muller ergueuse a munxir unha vaca. Comezou a tarefa pero á vaca non lle baixaba o leite. Entón a muller alporizouse moito e rifaba coa vaca:

---

[364] FMS5:157 (1181-1182).

[365] SCHU4/2/453. No texto: *tirarll'ó.*

[366] VLLM:2,893. Recolle esta oración en Palas de Rei, onde se considera a san Breixo avogoso para o leite, tanto do gando como das mulleres.

[367] JPB1: *cayeu, gardei n-o*.

[368] Salc4.

[369] Capela.:173. No texto: *Paséi pola tua, miréi, pequeño*.

[370] SCHU4/2/129. No texto: *querí'o mozo, pasab'os días, muncí'as vacas, varrí'a casa, poñí'o pote*

[371] RCI:177 (*cagadela*), RCI:130 (*cagalera*).

[372] ACF. No texto: *Ven a sel-o*.

[373] XCARXM2:31. Rexistrado en Soaxe, Vilalba.

- ¡Ai, condenada, parece que ti tamén fuches á Coruña!

As vacas da cara triste [374]

Unha parella de mozos da cidade paseaba por unha estrada, viron un neno que estaba alindando as vacas e quixeron rir á súa conta:

- Ímonos rir un pouco con este paiolo da aldea.

Cando chegaron xunta del dixéronlle:

- Oi, neno, ¿pódesme dicir por que as túas vacas teñen a cara tan triste?

O neno, sen perder a compostura, respondeu:

- E se a ti che apalpasen as tetas tódolos días e non te montaran máis que unha vez ó ano, ¿cómo a terías, nena?

Acabou a xolda.

As vacas da cara triste [375]

Era un pequeno que tamén taba cas vacas. Entonces viña unha parexa de novios, unha chica mui fina, xa falaba o castellano e tal, e dixeron:

- Vámonos meter con este paloio da aldea.

E dixeron

- ¡Oi, neno! Ai, niño, ¿e pódesme decir porque as vacas teñen a cara tan triste?

E dícelle o neno:

- Ai, señorita, e se a usté lle tocaran a teta tódolos días e non a montaran máis que unha vez ó ano, ¿como a tería, señora?

9.3.4.1. A muxidura

No capítulo de crenzas (12.) pódese ver algunha referencia que expresa a necesidade de se protexer da envexa das bruxas durante a muxidura.

10267 **moncedura** *s.f.* Acción de muxi-las vacas. (Piquín).

10268 **moxedura 1** *s.f.* Ver MUXIDURA 1 /10275. (Vilaf.).

10269 **moxidura** *s.f.* Ver MUXIDURA 1 /10275. MVN escribe *mojidura*. (MVN).

10270 **moxo** *s.m.* Muxidura, sg. Llópiz. Ve-la explicación na nota a rodapé do refrán *O leite sae do moxo e non do óso*. (VLLM).

10271 **muncedura** *s.f.* Ver MUXIDURA 1 /10275. (LG, Piquín).

10272 **munguidela** *s.f.* Ver MUXIDURA 1 /10275. *Dalle unha munguidela á vaca e trai o leite pro neno*. (ERQ2).

10273 **munxidura** *s.f.* Ver MUXIDURA 1 /10275. (LG).

10274 **muxida 1** *s.f.* Ver MUXIDURA 1 /10275. *Rematada a muxida, retíranse as pezoeiras a modiño*. (CAGM).

10275 **muxidura 1** *s.f.* Acción de tirarlle o leite do ubre á vaca. As nosas fontes escriben *mujidura*. (MVN, Piquín).

10276 **poxa 2** *s.f.* Baixada do leite, exección do leite. *A esta vaca báixalle a poxa coma se tivese o becerro*. (Simes).

O leite sae do moxo e non do óso. (VLLM:1,127) [376]

[374] XCARXM2:120. Rexistrado en Candia, Abadín.

[375] Abadín4:203. Recollido en marzo de 1993 de Remigio Rico (69 anos), Os Castros, Candia.

[376] Llópiz: *A leite*, *sal*, *oso*. Engade que é da linguaxe dos *Vaqueiros de Alzada*; que *moxo* deriva de *munxido* e sería o substantivo correspondente ó cast. *ordeño*; e que o refrán alude ós que se meten a muxir sen coñeceren o xeito que require e, en sent. fig., ós que sen coñecementos abondos se meten nunha empresa na que a habilidade é a chave do éxito. Evidentemente é discutible que *moxo* proveña de *muxido* pero debe ser parente do castelán *mueso* que aparece no refrán *La leche sal del mueso, no del güeso*, que Correas comenta *Mueso es la substancia del buen alimento que come la mujer que cría* e do que Kleiser di *Mueso, bocado, alimento*. O tal *mueso* co significado de *mordisco* xa aparece no Cid, en Berceo, no Conde de Lucanor e posteriormente como *muerso*, derivando probablemente de *morder*, pero tamén é posible que teña que ver cun **mudiar* da familia de *mugire* ou de *mulgere*. Isto lémbrano-lo suplemento alimenticio que se lles dá ás vacas paridas (tamén hai unha atención especial na mesma situación coas mulleres) que, no caso destas, incluía tradicionalmente caldo de galiña (e por veces chocolate, cousa apetecible, por inusual, pero non sempre axeitada por facilitar unha tendencia ó estrinximento). Podería, en suma, ser paralelo daquel outro refrán que di *A galiña polo pico pon*, é dicir, segundo coma, pon máis ou menos.

9.3.4.2. As vasillas para muxir

10277 **baldeta** *s.f.* Especie de canada para muxir. (Aldo.).

10278 **cachapa 2** *s.f.* Caldeiro que se utiliza para muxi-las vacas. (VLLM).

10279 **caldeiro 2** *s.m.* Canada para muxir. (Ancares2).

10280 **canada 1** *s.f.* Vasilla para recolle-lo leite ó muxi-las vacas. Con este nome e como medida de viño, a canada xa existía en Galicia no século XII (ERG). O dicionario de F. Rodríguez (1863) di o seguinte: "Medida de palo echa al torno, con una asa y una nariz por el lado opuesto, en el borde, para derramar el liquido. Su cabida es desde medio cuartillo hasta dos ó tres azumbres. Las mas grandes se usan para ordeñar las bacas por que están menos expuestas á romperse que los pucheros de barro. En portugues se da el mismo nombre á toda medida de liquidos sean de madera, barro, &, lat. id.". No século XX puxéronse de moda as canadas de latón. *Dempóis chegaron dúas mulleriñas tamén cos seus xerros; logo, outra conha* [sic] *canada de muxir as vacas, e seguido outra cunha chicolateira* (GB2:64). *O leite que se recolle ao munguir a vaca na 'canada', recipiente cilíndrico de folla de lata, trasládase logo a outra vasixa construida co mesmo material, que se chama 'caldeiro' ou 'lata do leite', e niste caldeiro que vai sempre acompañado da medida, 'neto' ou 'coartillo', trasládase a Ourense pra vendelo no mercado ou nas casas dos abonados con que contan a maioría das leiteiras* (Velle1:159). (Común).

10281 **canado** *s.m.* Ver CANADA 1 /10280. *Compréina* [a vaca]. *Cheguéi a casa moi satisfeito coila. Chaméi á parenta decíndolle que trouxera un canado pra lle alixeirar o ubre, que o tiña grande e cheo* (GB2:108). (Caa., Cab., Cod., GB2).

10282 **canao** *s.m.* Ver CANADA 1 /10280. (AG-AO).

10283 **caneta** *s.f.* Ver CANADA 1 /10280. (ERG, Vala.).

10284 **fielo** *s.m.* Ver CANADA 1 /10280. (Xun.).

10285 **gamela** *s.f.* Ver CANADA 1 /10280. (VLLM).

10286 **muxideira** *s.f.* Canada de lata para muxir. (Laxe).

10288 **piquela 1** *s.f.* Pico ou bico da canada de muxir. (Per1).

10289 **púcara** *s.f.* Ver OSA /10287. (Larón).

10290 **zapica** *s.f.* Ver ZAPICO /10291. (Ancares2).

10291 **zapico** *s.m.* Canada para muxir. (Ancares2).

10292 ***caldeireta** *s.f.* Vasilla do leite. (Caa., Cab., Mra., Sob.).

10293 ***caldereta** *s.f.* Ver CALDEIRETA /10292. (Com1, Pantón).

10294 ***caldereto** *s.m.* Ver CALDEIRETA /10292. (Com1).

10295 **canada do leite** *s.comp.m.* Ver CANADA 1 /10280. (Cur.).

A vaca boa, que dea unha canada de leite pouco importa, si de unha patada a deborca. (VLLM:1,131) [377]

A vaca con vicio dá co pé na canada. (XTC4) [378]

Pouco importa que encha a canada se a tira cunha patada. (VS) [379]

Anda a silva en flor, pon a canada ó sol. (VS)

Cando a silva bota a flor, pon a canada ó sol. (Carte.) [380]

Cando as moras andan ó sol, hai que poñer a canada ó sol. (VS) [381]

Desque a silva bota a frol, pon a canada ó sol. (AGA:85; ZM:80; VS) [382]

Ves a silva na flor, pon a canada ó sol. (VS) [383]

---

[377] Llópiz recólleo de V. Risco (*Notas para...*, Orense 1954). Explica que é así porque se perde o proveito todo, e engade: *Tiene este prov. un fondo moral muy sutil y quiere presentar gráficamente, como una sucesión de buenas acciones, puede quedar anulada por una traición final.*

[378] No texto: *da, pe*. Chama a atención a ampla representación que ten nos refraneiros a variante que reflicte esta mesma actitude desagradecida na cabra: *A cabra co vicio dá cos cornos no cu*, con lixeiras variacións pero sempre coa mesma idea.

[379] VS: *q'hench-a canada, c'unha patada*.

[380] Explícanos este refrán que, como xa non hai leite, sobra a canada de muxir. Estamos ante un refrán hiperbólico, porque na Galicia interior, onde se recolleu este refrán, a floración da silva acontece en xuño ou xullo e nesa época a secura do verán agosta os prados e reducindo a calidade da alimentación do gando empeza a disminuí-la produción de leite. Pero dar menos leite non é estiñar e, polo tanto, a canada aínda se segue precisando. Coma noutros casos, este refrán constrúe a súa metáfora sobre unha hipérbole: así en Pontevedra dise *En chegando a Peregrina* (16 de agosto), *inverno encima*: e, sendo certo que na segunda quincena de agosto un xa nota que os días calurosos de xullo empezan a refrescar, mesmo así, cómpre recoñecer que setembro trae moitas veces calores que fan seca-las fontes e arde-los montes, como tamén di outro refrán. É a hipérbole característica de certos refráns.

[381] VS comenta que *Al perder la hierba vitalidad, escasea la leche*. No texto: *Cuando*.

[382] ZM: *ao sol*.

[383] A explicación é semellante: *Cuanto florece la zarza por agosto ya las yerbas tienen menos jugo y las vacas dan menos leche*.

Ves a silva na flor, pon o canado ó sol. (VS)
As vacas de Cancelada, muito ubre e pouca canada. (VS)
As vacas de Ponferrada, moito ubre e pouca canada. (VS)
Vaca de Cancelada, moita ubre e pouca canada. (VS)
Vaca de Ponferrada, moito ubre e pouca canada. (VS; ANV3:97; XTC4) [384]
Non é mester canada/gamela: pra vaca de pouca leite abonda cunha caneca. (VLLM:1,145) [385]
Santa Ana ca súa canada e Santiago co seu canado. (VS) [386]
Vaca con fartura, canada con nasura. (VLLM:1,155) [387]
Vaca gabada, non enche a canada. (XLF2:68; Carño1; VS) [388]
Vaca gabada, non enche a canada e se a enche dá a patada. (Grou)
Vaca gabada, non enche canada. (VS) [389]
Vale máis algo ó lexos que canada ó preto. (VS)

Non teño lei a ninguén
fóra da miña vaquiña,
que me dá un par de canadas
de leite tódolos días. [390]

Teño unha vaca leiteira,
nin dá leite nin dá nada;
pro, dá couces á canada;
¡que vaca tan condergada! [391]

9.3.4.2.1. A canada como medida de capacidade

10296 **canada 2** *s.f. meton.* Cantidade de leite que cabe no recipiente chamado *canada*. (ERG).

10297 **canadada** *s.f.* Cantidade de leite que cabe nunha canada de muxir. (Piquín).

9.3.4.3. A muxidura mecánica

A tecnificación da gandería trouxo consigo a introdución da muxidura mecánica, como única forma de muxir de xeito eficaz, hixiénico e rendible o cada vez maior número de vacas dunha explotación. Baséase nun sistema combinado de presión e baleiro intermitentes que tentan imita-la muxidura manual, recollendo o leite nun circuíto pechado e refrixerado. O sistema esixe extrema-las condicións de hixiene no ubre e no propio equipo, para evitar contaminacións bacterianas, que poderían estraga-lo leite todo, e un control rigoroso dos tempos e da presión do equipo.

A muxidura mecánica, desenvolvida xa en 1889, aparece en Galicia a partir dos anos sesenta do pasado século. Os primeiros son equipos portátiles que o gandeiro traslada de vaca en vaca, pronto substituídos por sistemas fixos en salas de muxidura ás que se levan as vacas [392].

10298 **muxidoira** *s.f.* Aparato para muxir mecanicamente. (Ced., Sob., XER).

10299 **muxidora** *s.f.* Ver MUXIDOIRA /10298. (Cam2, Ced., Cove., Piquín, Sob.).

10300 **pezoeira 1** *s.f.* Receptáculo da muxidora eléctrica na que se introduce cada teto. (CAGM).

10301 **tetoeira 2** *s.f.* Ver PEZOEIRA 1 /10300. (CAGM).

---

[384] Taboada recolle, como variante, *da Cancellada*.

[385] Llópiz: *mêster, pouca* (sic), *c'unha*; recólleo da fala dos Vaqueiros de Alzada, e explica que *canada* e *gamela* son tina de madeira para muxi-las vacas mentres que *caneca* é unha pequena vasilla de barro.

[386] Aínda que VS recolle desta forma esta paremia, é sabido que forma parte dun refrán máis amplo que xa vimos varias veces: *Chuvia na semá da Ascensión, cria nos trigos mourón; pro é un regalo san Pedro co seu canado, san Cristobo co seu cobo, santa Mariña coa súa regazadiña, Santiago co seu canado, san Lourenzo co seu caldeiriño penzo, Nosa Señora coa súa ola e san Miguel co seu tonel.* O adx. *penzo* significa "que está fóra de sitio, desequilibrado ou en pendente". Xa o vimos en 3.2.25 (entrada 4040). VS cita a equivalencia portuguesa de Chaves: *São Tiaguinho, sempre traz seu cabacinho.*

[387] Llópiz explica que a *nasura* é a escuma que forma o leite na canada cando o ubre está ben repleto.

[388] Carño1: *ghabada*. VS: *agavada*.

[389] VS: *agavada, henche*.

[390] MLP3:182. No texto: *á ninguén*, *fora d'a*, *todol-os*.

[391] TCha:32. No texto: *qué*. En nota engade que é letra amañada para unha música de hoxe en día.

[392] En 2003, as instalacións en espiña representaban o 73% das salas de muxidura, seguidas de lonxe polos equipos en tándem (14%) e en paralelo (11%). O muxido manual era xa residual, con só un 1,6% (GEG2 s. v. *mecanización*).

9.3.5. Accións do gandeiro relacionadas coa reprodución

Véxase o que dixemos en 7.4.3. sobre os recursos do gandeiro para o diagnóstico da xestación.

10302 **apalpar 2** *v.* Gramarlle [o gandeiro á vaca] no illar dereito para diagnosticarlle a xestación. (Cam2).

10303 **bracear 2** *v.* Introduci-lo brazo na vaxina da vaca para extrae-lo feto no caso dun parto distócico. (Gud7).

10304 **encontra-la cría** *loc. v.* Premer co puño no ventre dunha vaca preñada ata nota-la presenza do becerro para diagnostica-la xestación. (Cam1).

9.4. O xugo

O xugo é un trebello que permite utilizar da mellor maneira posible a forza do boi ou da vaca, que sempre está no terzo dianteiro, para arrastra-lo carro, o arado, a grade ou calquera obxecto que se precise mover, como as pedras para a construción. A forza do animal está na súa parte dianteira e por iso o xugo se lle coloca ó animal nos cornos ou na caluga. O xugo cornal parece se-lo máis estendido por diferentes partes de Europa e tamén existe na Galicia oriental; pero en Galicia tamén se usan dous xugos que aproveitan a forza suxeitando o pescozo ben con cangallas fixas (diferentes das flotantes que se usan en Italia) ben con cancís (coma na Occitania). E como veremos os tres tipos de xugo manteñen en Galicia unha distribución relativamente nítida.

Falando do xugo, presta ler en 16.1. o poema *O xugo* de Araúxo Iglesias.

9.4.1. As xunturas

Nesta primeira epígrafe recollémo-las diferentes denominacións que recibe o conxunto dos apeiros necesarios para xungui-lo gando (cordas, correas, molidas, estrobo etc.), conxunto que por veces inclúe o propio xugo.

10305 **apeiraxe** *s.f.* Conxunto de trebellos para xunguir. (LCA1).

10306 **apeiría** *s.f. Ú. m. en pl.* Conxunto dos cornais, molidas e xugo do carro. (LP2).

10307 **atavío** *s.m.* Conxunto de trebellos para xunguir propios de cada un dos tres sistemas existentes en Galicia. Nalgúns lugares, conxunto dos apeiros de labranza. Realmente Parade. non dá esta definición pero derívase este contido do uso que dela fai cando di que as xugadas poden ser *dun atavío* ou *de dous atavíos* ou que se poden xunguir bois e vacas *a un atavío* ou *a dous atavíos* ou *aos dous atavíos*. Esta palabra non adoita aparecer nos dicionarios máis que co valor de "adobío ou adorno dunha persoa". Pero xa o P. Sobreira definía os *atavíos* como "Las muchas cosas que alguna persona lleva o tiene, o la cosa requiere". E tamén se fala da *bolsa dos atavíos* (ou amuletos) e mais dos *atavíos do forno* e dos *atavíos da forxa*. *... queiman uliveira de Ramos, poñen a vela, fóra botan tamén os atavíos do forno e din esta oración* [...] *e botan fóra os atavíos do forno, que son a pa, o rodo i o vasalladoiro* (Mondo4:120). Debemos anotar, mesmo así, que Manuel González (MGG) recolle en C2, C5, L12, OU9 *atavíos* como "conxunto dos apeiros de labranza" (MGG:26) (Parade.).

10308 **lluriame** *s.* Conxunto de correas que emprega o labrego para xungui-la parella, engancha-lo carro etc. (Drago., VGR).

10308b **trasca** *s.f.* Correa forte de pel de boi, de tres ou catro centímetros de ancho curtida e que se utiliza para facer cabezadas ou timoeiros. (AO2).

10309 **xentura** *s.f.* Ver XUNTURA 1 /10312. (MGG(O25), XLF5(182, 183)).

10310 **xintura** *s.f.* Ver XUNTURA 1 /10312. *En toda esta comarca 'xúnguese' (A Gudiña) ou mesmo 'xúnxese' (A Mezquita) á cabeza. O equipo completo é 'xintura'* (Friei.:210). (Cal., Fara1, Friei., Moura., Mra.).

10311 **xuntanza** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver XUNTURA 1 /10312. (Escul.).

10312 **xuntura 1** *s.f.* Conxunto de trebellos para xunguir. Xa no latín *iunctura* tiña este senso. *Os muebles* [das cortes] *son principalmente arreos de labranza:* [...] *xuntura (formada por mulidas, sogas, temueiro, xugo, etc.)* (Sandiás:166) (Sandiás, XLF5(189), Xun2).

10313 **xunzura** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver XUNTURA 1 /10312. (Piquín).


9.4.2. Os diferentes tipos de xugo e a súa distribución

Instrumento de madeira que serve para unir polo pescozo ou a corna dous bois ou dúas vacas e, así unidos, suxeita-la cabezalla do carro ou do arado e utilizalos como forza tractora.

Eladio Rodríguez dáno-la seguinte descrición:


> *Hay dos clases de XUGOS, uno yugular, llamado da canga, y otro cornal, llamado da molida. Cada una de estas clases presenta cierta variedad de tipos. Así por ejemplo, podemos distinguir perfectamente dos tipos de xugo yugular, uno en que las abrazaderas que lo sujetan al pescuezo de la res son independientes del cuerpo principal y otro en que esas abrazaderas son fijas y están incrustadas en él. En el primer caso se llaman cangas y son ponibles y quitables cada vez que se xungue la yunta, sujetándose al cuerpo principal del xugo mediante una clavija de madera o hierro llamada bío; en el segundo caso reciben el nombre de canciles [393] y están incrustadas en el cuerpo principal, que atraviesan, sujetándose al pescuezo de la res por medio de una correa que une los extremos inferiores y que recibe varios nombres, tales como apear, apeaza, apialla, cádiga, pioga, xango. En su parte central en la línea superior el xugo lleva tres prominencias separadas por dos entalladuras bastante profundas. Las prominencias reciben los nombres de castelos, castelar, camelas, calimosas o murnallas, y las entalladuras el de mosas. En estas mosas se coloca la coyunda, que recibe los nombres de loro, estrobo o corre. El xugo predominante en Galicia es el da canga, pero en las provincias de Lugo y Orense coexiste con el da molida. Es frecuente que los xugos presenten alguna decoración, unas veces valiéndose de clavos dorados y otras veces mediante incisiones. Para hacer los xugos se prefiere la madera de freixo o en su defecto de mazaira, de nogueira o de abidueira. La longitud de un xugo corriente es un metro. Para arar las patatas y el maíz se suele emplear un yugo especial que mide metro y medio, con objeto de que las reses vayan más separadas y pisen por la cal y no por el suco, evitando así que aplasten las plantas. Este yugo, que no tiene otra aplicación, se puede hacer de cualquier madera y recibe el nombre de xuga.*

En toda Galicia, ademais do tipo que pola distribución xeográfica lle corresponde, existía un *carro de vacas* para cargas máis lixeiras (herba, palla, toxo, froitos) e un *carro de bois*, de dimensións algo maiores e moito máis robusto para o transporte de grandes pesos como pedra, toradas e similares: a este carro posiblemente lle correspondese un tipo de xugo lixeiramente distinto en dimensións. Probablemente a iso se debe que recollamos nalgúns lugares de Galicia as denominacións *xugo das vacas* (Parade., MGG:C40) e *xugo de bois* (MGG:L27), *xugo dos bois* (Parade.) e *canga dos bois* (MGG:P33), que semellan indicar diferenzas nos xugos segundo o sexo dos animais xunguidos. O carro de bois sempre foi menos frecuente có carro das vacas, porque non todo o mundo tiña bois e non todos se dedicaban a esta actividade case profesional de transporte.




Os tres tipos de xugo (Xaquín Lorenzo: *Historia de Galiza*) (XLF:731).

[393] Véxase o que diremos en 9.4.2.15.



Distribución dos tipos de xugo (Xaquín Lorenzo: *Historia de Galiza*) (XLF:732).



Distribución en Galicia dos tres tipos de xugo
Adaptado de Manuel González González (MG2).

Moitos elementos da casa campesiña teñen estandarizado, por dicilo dalgún xeito, o tipo de madeira de que están feitos. Pola contra, o xugo non parece ter definido en toda Galicia un mesmo material. Nas nosas anotacións encontramos que o xugo está feito nuns lugares de pau de freixo e noutros de bidueiro, que son os predominantes; pero tamén se mentan o castiñeiro, a nogueira ou a cerdeira (máis nobres) e o amieiro, o cancereixo, o chopo negro, a maceira, a moreira e o salgueiro. Sorprende que nuns casos se prefira o pau

duro e pouco pesado (bidueiro) pero que tamén os haxa de madeiras pesadas coma o de pau de carballo ou de sobreira. Velaí as nosas referencias:

- ***Amieiro*** (Devesa2, Pazos).
- ***Bidueiro*** (Cambe2, ERG, Espe., Goiriz, JEFA:91, Parade., Pazó, Pazos, Sandiás2, Ulloa); *O xugo adoitaba ser de madeira de bidueiro ou bido* (Merca:74); *As mellores madeiras son o fresno, o abedú e o negrillo* (Ancares:339).
- ***Cancereixo*** *Os do lugar* [Lago, Becerreá] *preferían o capurro para os faceren* [os xugos da torga], *pois disque se trata dunha madeira mellor e máis dura* (Fonta.:56).
- ***Carballo*** (PradoL, Vilama.).
- ***Castiñeiro*** *castiñeiro pero, mellor, de freixo* (Simes); *o de castiñeiro rompe con frecuencia e non serve* (Cambe2).
- ***Cerdeira*** *para que sexa máis levián* (Trasal.) (VilarM).
- ***Chopo negro*** (Cerei.; Cambe2; Pazos; Vilama.). *As mellores madeiras son o fresno, o abedú e o negrillo* (Ancares:339).
- ***Freixo*** (Barbos, Cam6, Cambe2, Malvas, Moeche, Nande, Ordes2, Parade., Queizán, Ulloa, VilarM). *O xugo de xunguir* (Fonta.) (Trasal.); *mellor que de castiñeiro* (Simes), *Tronzamos seis toros de freixo pra xugos* (Parade.), *Os mellores xugos son os de freixo* (Vilama.; JEFA:91), *As mellores madeiras son o fresno, o abedú e o negrillo* (Ancares:339), "Para hacer los *xugos* se prefiere la madera de *freixo*" (ERG).
- ***Maceira*** (ERG, JEFA:91, Parade.).
- ***Moreira*** (Veiga).
- ***Nogueira*** (ERG, Parade., Veiga), *carroleira* (JEFA:91).
- ***Salgueiro*** (EGE, Parade., Régoa), *as mellores cangas* (Veiga), *É máis amante* (Noalla3).
- ***Sobreira*** (Malvas).

Canto á distribución xeográfica cómpre dicir unhas palabriñas.

Segundo a parte do corpo no que asenta o xugo (cornos ou xugueira) podemos dicir que en Galicia hai dous tipos: *xugo cornal* e *xugo xugular*. No primeiro, o xugo átase ós cornos e a forza faise coa testa; no segundo, o punto de apoio no que o animal fai a forza é o pescozo, ó redor do que van as cangallas ou os cancís. A denominación popular dos xugos, en función do punto no que se aplica a forza motriz, é *xugo de molida,* nun caso, e *xugo de canga* no outro.

Pero do xugo de canga existen basicamente dous modelos. O primeiro, que aquí chamamos *xugo de cangallas* ou, segundo a clasificación que fai Xaquín Lorenzo, xugo do *tipo A*, caracterízase por levar dous pares de táboas verticais diverxentes, abertas por baixo, que son as cangallas, a cadanseu lado do pescozo da vaca, e pechando por baixo, a pialla, que une os extremos inferiores das cangallas.

Este tipo de xugo é o de máis ampla distribución: pódese atopar en toda a provincia da Coruña, norte e noreste da de Pontevedra, norte e oeste de Lugo e a franxa noroeste de Ourense (XLF6). Tendo en conta a presenza maioritaria deste tipo de xugo, e a imaxe que presenta o mapa de distribución dos tres xugos en Galicia, Xaquín Lorenzo propón a denominación de *xugo galego* para este tipo de xugo de cangallas.

A investigación posterior de Manuel González González (MGG) demostrou que, aínda sendo basicamente correcta esta distribución, a realidade é máis complexa non só porque hai xugo de cangas en lugares nos que o mapa de Xaquín Lorenzo non o anota, senón tamén porque nalgún lugares se detecta a coexistencia dos tres tipos de xugo e mesmo porque en certos lugares se lle chama *xugo de cangas* ó de cancís e *xugo de cancil* ó xugo de canga.

E, por parte, as liñas de distribución non deberon ser sempre as mesmas. Como xa vimos en 2.2.1.6. o bachiller Olea anotou contra 1536 que daquela en terras de Castro Caldelas o xugo non era cornal.

> *Aquí hay el ganado bacuno muy grande de que se provée el Reino de bueis para labrar, con melena, que con los bueis de otras partes, que son pequeños, labran con ellos e acarrean al pescueço como las mulas* (XFV5).

Se di que *se acarrean al pescueço*, é que o xugo non era cornal: logo a distribución actual non é a mesma cá do século XVI.

E aínda no século XX se modificou esa distribución: en terras de Foz hai memoria dese cambio. Paco Rivas, lingüista de Nois (Foz) dinos que veu de fóra a canga provocando unha temporal especialización dos xugos: o xugo de molida quedou reservado para as vacas indóciles, ás que en Caritel chaman *vacas escriotas*, mentres que para tódalas outras se empezou a usa-lo xugo de canga pero, asegura el, co tempo o xugo de molida volveu se-lo único tipo de xugo usado. Pola contra, Foz4 sostén que o que veu de fóra foi a molida e

que os vellos lembran que as primeiras víronas en bois que viñan de Asturias; que despois produciuse unha especialización: a canga, para as vacas; e a molida para os bois ou as vacas máis fortes (Foz4). Os datos non son exactamente os mesmos pero, en calquera caso, houbo innovación. En Carballedo (LU) xunguen as vacas á canga e os bois á molida (Carte5).

VS fai outra observación: *... uncirlos a los cuernos, y no se hace sino para trabajar en zonas abruptas y empinadas, lo que supone trabajo penoso y que exige mucho tiempo*. Esta observación é interesante, porque pode explica-la maior presenza da molida na parte oriental de Galicia, toda ela de paisaxe maiormente montañosa.

9.4.2.1. O aparello completo

10314 **canga 1** *s.f.* Ver XUGO 1 /10315. *N-esta terra xunguen de cote â canga, máis non lle chaman canga, senón 'xugo'* (Mel2:399). (ERG, JMP, Mel2, VLLM).

10315 **xugo 1** *s.m.* Instrumento de madeira que une a cabezalla do carro ou arado ós animais que turran del. (Común).

10316 **xugueiro 2** *s.m.* Ver XUGO 1 /10315. (Rabal).

Bois vellos con canga nova, embelga torta. (VLLM:1,135) [394]

Bois vellos con xugo novo, rego torto. (VLLM:1,135) [395]

Parella vella con canga nova, embelga torta; e, se nova, nin dreita nin torta. (VLLM:1,151) [396]

Parella vella con canga nova, embelga torta; e si nova a parella, nin torta nin dereita. (VLLM:1,151) [397]

Parella vella con xugo novo, tira o rego torto e parella nova con xugo vello, nin torto nin dereito. (VLLM:1,151) [398]

Cando a canga espirra, o tempo revira. (VLLM:1,137) [399]

Mentras ande na eira o xugo, que ande na casa o fuso. (XSL:38; GILB:120)

Mentras ande na leira o xugo, que ande na casa o fuso. (XMSH:151; ERG:andar; XLF3:63)

Ó boi vello, xugo novo. (ERG:boi) [400]

Ó que pon seu xugo a concello unhos lle dirán que é branco e outros lle dirán que é negro. (XTC4; ANV3; ANV4:18) [401]

O xugo do carreteiro debe ser de salgueiro. (EGE:107)

Eu fun á herba ó prado,
deixei o xugo na presa,
deixei a túia conversa,
deixeina e mais non me pesa. [402]

No monte nace,
no monte se cría
e vai bailar
cos bois á corneiría. [403]

O "Cangueiro" [404]

Chamábanlle o "Cangueiro" porque facía xugos repenicados e finos para [405] vender na feira de San Marcos. Pasou [406] a súa vida degoirando ter bois de seu. Escomenzou [407] a

---

394 Llópiz: *envelga*; explica que *envelga* é o rego que se vai abrindo co arado paralelo ó rego anterior.

395 Llópiz recólleo dos *Romances* de E. Sarmiento (Lugo 1905).

396 VLLM: *envelga*; explica que o refrán aconsella non lle andar trocando o xugo ós bois que xa están afeitos a un: os bois vellos aínda se axeitarán pero unha parella nova non (por iso di que non fará rego dereito nin torto). Recólleo en Lugo (1905).

397 VLLM: *envelga*; recólleo de E. Núñez Sarmiento. Nótese o quiasmo *Parella vella... nova a parella*.

398 Llópiz recólleo do párroco de San Cristovo de Martín (Lugo), A. González.

399 Llópiz cítao como var. metonímica de *Cando os bois espirran, o tempo revira*. Recolleuno en Sarandóns.

400 Do mesmo xeito, *A burro vello, albarda nova* (ERG:burro), e, pola contra *A burro novo, aparello vello* (ERG:burro).

401 No texto: *O que pon* (XTC4); *O que pón, din* (*dín*:ANV4), *qu'é, y-outros, qu'é* (ANV).

402 LimiaB:81. No texto: *erba, tua.*

403 O xugo; ou noutra solución: a cabra corza. PM:654.

404 XFV3:68.

405 No texto: *pra.* Pero na segunda edición de 1990 Filgueira corrixe en *para* quizais por coherencia con outros usos do mesmo texto (máis en diante: *para a xugada*).

406 No texto: *Pasóu.*

407 No texto: *Escomenzóu.*

facerlles o mellor xugo de cantos saíran das súas [408] mans. Tiña un Cristo no medio e medio, moi pintadiño, e dous anxos dos lados. Canga como ela nunca se vira. Logo foi achegando cartos para a xugada. Pero nunca chegou [409] a velos xuntos. Sempre lle faltaba [410] un pouco, e pensaba:

- *Se eu vendese [411] o meu xugo, tiña xa diñeiro cumprido para mercar os bois.*

Aquel xugo ben tallado era máis seu que o anceio dos bois... E morreu sen [412] mercalos.

Este sucedido, sen título, vai dentro dunha serie de historias sobre os lobos que recolle Laureano Prieto na Gudiña [413]:

Un mozo que va una noche a ver a su novia, que vive en otro pueblo, deja el yugo de las vacas en la cama con el fin de que si sus padres van a mirar si está acostado crean por el bulto del yugo que es su cuerpo. De noche despierta su padre porque le ha dado un pálpito de que su hijo es devorado por los lobos. Despierta a su esposa y le dice:

- *Está-me dando un pálpito de que o rapaz foi a ver a novia i-estan-o comendo os lobos. Vou mirar se está deitado.*

Va y se deja enganar por el bulto que se ve en la cama. Se acuesta, pero minutos después sospecha la verdad. Comprueba el engaño y se dirige al pueblo en que vive la novia de su hijo. A poco oye el ruido de la lucha entablada entre aquél y los lobos. Para animarle grita:

-*Deféndete que ahí vou eu.*

Cuando el padre llega al lugar del suceso, halla los cadáveres de su hijo y de siete lobos, otro lobo huye.

El mozo valiéndose de una fouce de rozar ha dado muerte a las siete fieras y hubiera hecho igual con el único que quedaba de no haberle distraído tan solo un segundo las voces de su padre. Este momento de distracción fué aprovechado por el único lobo superviviente para matarle.

O xugo dos mouros [414]

Contoume Carmiña das influencias que as lendas tiñan nas xentes dunha comunidade e o que aconteceu nunha delas que tiña preocupada a toda a aldea.

Alá por Cervantes, en San Román (Lugo), contan que se vían polos camiños, e sobre todo por aqueles onde ían os animais, sinais de que alguén estivera cavando e que despois de facelo, volvía a encher os buratos coa terra cos croios e procuraba disimular o feito. Ás veces eran furados pequenos pero outras notábase que botaran tempo cavando, a xulgar polas dimensións dos regos.

Isto aparecía normalmente en tempos de verán e tiña a xente un pouco alarmada. Pasaban os anos e ninguén atopara resposta a aqueles aconteceres. Namentres unha velliña ría ó escoitar todo canto se falaba destes feitos á saída da misa e nas reunións dos traballos que se facían en grupo.

Corría o tempo e, sobre todo a xente nova, non atinaba a dar resposta do significado daqueles foxos que aparecían nos camiños. Uns dicían que eran cousas dos trasnos e outros que eran algúns animais bravos, seres estraños, algún tolo ou transformado. O caso era que a vella seguía a rir e, canto máis sentía falar disto, máis ela escachaba coa risa.

A xente madura e traballadora falaba pouco do caso, xa pola canseira dos traballos ou cecais porque, tamén, algo sabían.

O día da festa, moita xente despois de venera-lo Santo Patrón, pedía explicación dos feitos ó cura da Parroquia, pero tampouco el sabía responder.

---

[408] No texto: *suas.*

[409] No texto: *chegóu.*

[410] Na segunda edición Filgueira corrixiu esta colocación do pronome, que na primeira aparecía así: *Sempre faltáballe.* Incorporámo-la súa corrección.

[411] Na segunda edición Filgueira corrixiu o texto da primeira: *Si eu vendera.*

[412] Na segunda edición Filgueira corrixiu o texto da primeira: *morréu sin.*

[413] Gud7:61-62.

[414] MINI. Recollido a Carmiña Fernández de Cabanas, Cervantes (Lugo).

A impaciencia gañaba adeptos, máis ninguén se atrevía a preguntar publicamente, anque empezaban xa a falar entre os parentes e despois, no baile, entre os veciños e os máis achegados. Co conto, poucos bailaban e non atendían á música da orquestra.

Andaban todos co comentario na boca pero ninguén dicía nada fóra da súa tertulia. Ata que chegou a vella e observando o que alí pasaba, volveu rir ensinando os poucos dentes que lle quedaban, e dixo:

- ¡Ai meus veciños! ¡Canto temos que falar os uns cos outros!

- ¿Que di, Señora Servanda ? -preguntaron os mozos.

- Nós, que somos poucos, debemos estar xuntos para todo. Levades, toda a parroquia, moito tempo intentando saber que é o que pasa e uns por non se atrever a preguntar e outros por disimular os feitos, non sodes quen de vos saber divertir no día da festa.

- ¿Que quere dicir coas súas palabras?

- Pois vouvos contar. Eu cometin un grave erro, que foi falar das lendas de aquí, non ós nenos e mozos, senón ós maiores.

A velliña proseguiu:

- ... si, teño que me disculpar por ese desatino. Pois estaba eu sentada no camiño mirando cara ó monte da Gogoma, cando viñeron do traballo uns homes e mulleres e non vou dicir quen son, anque eran de abondo coñecidos e sentaron onda min para me dar palique. Eu mirando para aló arriba conteilles que de vello se dicía que os mouros habitaban dentro daquel monte e que por dentro tiñan escavado un pasadizo que os levaba onda as augas do rio para beberen eles e dar tamén ós animais.

- ¿Que ten que ver iso cos movementos de terra dos camiños, Dona Servanda?

- Eu de seguida vin como lles bouraba a cabeza a aqueles homes e mulleras pensando nos tesouros que disque deixaron os mouros. Foi cando un deses homes, que non anda moi lonxe, preguntou:

- E, ¿acórdalle onde tiñan os tesouros eses?

Respondín con sinceridade, sen me dar conta do meu desacerto:

- O lugar exacto ninguén o sabe, pero dise a fe certa que os mouros enterraron un xugo de ouro nun camiño por onde pasan persoas e animais. E desde aquel entonces hai quen traballa polas noites sen sosego procurando a fortuna de atopalo. Esa é a razón de tanto furado e de tanto cavar nos camiños. A necesidade fai milagros e nos vos debe estrañar que pasen estas cousas estamos en tempos difíciles para todos.... pero debo engadir para satisfacción vosa que xa fomos outros os que fixemos moitos máis furados no monte da Gogoma e nos camiños todos, e nunca xamais ninguén atopou o tesouro dos mouros, nin o xugo de ouro enterrado, mais isto non quere dicir que non existan.... ¡E agora a bailar que senón tamén perdedes esta festa

9.4.2.2. O xugo de cangallas

Véxase o dito na epígrafe 9.4.2.

10317 **canca 1** *s.f.* Ver CANGALLA 2 /10320. Aparece na expresión *poñerlle a canca* como forma de inmobiliza-las vacas. (TapiaC).

10318 **cancalla 3** *s.f.* Ver CANGALLA 2 /10320. (Castre.).

10319 **canga 3** *s.f.* Ver XUGO DE CANGA 1 /10333. (Lea, Lousado, MGG(L1, L5, L13, L16, O24, O26)).

10320 **cangalla 2** *s.f.* Xugo, especificamente o de cangallas. Concretamente, a peza principal, base de tódalas que conforman o xugo. Castre. explica, ilustrándoo cun debuxo, que o xugo que alí se utiliza se denomina *cangalla* ou *cancalla*, e que está formado pola *cabezalla* ou *cangalla*, peza forte horizontal sobre a xugada, e os *canciles* ou *parantes*, catro paus verticais que abrazan o pescozo das vacas. (Castre., Corna., MGG(P12, P15, P16), Noalla3, Nogue., Simes).

10321 **shugho 1** *s.m.* Ver XUGO DE CANGA 1 /10333. (Beluso1).

10322 **xugho 1** *s.m.* Ver XUGO DE CANGA 1 /10333. (Carbia, Fol-C2, Portas).

10323 **xugo 4** *s.m.* Ver XUGO DE CANGA 1 /10333. (CVer2, Foz3, Meira4, Mel2, Melide, Parga, Ramil, Santa.).

10324 **canga de chancil 2** *s.comp.f.* Xugo de canga. (MGG(L25)).

10325 **canga de peaza** *s.comp.f.* Xugo de canga. (MGG(L25)).

10326 **canga de rellas** *s.comp.f.* Xugo de canga. *Rellas* é a denominación que dan ás cangallas. (MGG(O10)).

10327 **canga de *barbilla** *s.comp.f.* Xugo de canga. (MGG(O6)).

10328 **xugo betanceiro** *s.comp.m.* Xugo de canga. (Abadín2).

10329 **xugo da canga 1** *s.comp.m.* Xugo de canga. (CovasC, ERG, Leis, MGG(L2, L3), MMeda, PradoL, Régoa, San-C).

10330 **xugo das vacas** *s.comp.m.* Xugo de canga. (MGG(C40)).

10331 **xugo de abrochas** *s.comp.m.* Xugo de canga. (MGG(P6)).

10332 **xugo de canciles 2** *s.comp.m.* Xugo de canga. (MGG(C1, C46, C47, L10, L20, L22, L24)).

10333 **xugo de canga 1** *s.comp.m.* Xugo que apoia no pescozo do gando sen suxección ningunha: as vacas quedan suxeitas por debaixo do pescozo. Este tipo de xugo *leva dúas varas diverxentes, en senso vertical, que pasan ós lados de cada vaca; chámanse estas varas 'chanciles' ou 'cancallas' e teñen por baixo unha correa, 'pialla', que une os estremos de cada par de 'chanciles' entrando nunhas encarnas, 'apeaceiras' que istes levan. Nalgúns distes xugos atópase outra correa, ás veces unha cadea, que une antre sí, pola parte de riba, as dúas parexas de 'chanciles': é a 'trenla', 'piogón' ou 'ladriceira'* (XLF:731). (MGG(C28, L6, L10, O4, O16), Parade., Piquín, XLF, XLF5, XLRG, XRMF4).

10334 **xugo de cangallas** *s.comp.m.* Ver XUGO DE CANGA 1 /10329. (MGG(C3, C4, C5, C7, C13, C14, C19, C26, C30, C37, C48, O1, O18, P2, P9, P10, P14)).

10335 **xugo de chancil** *s.comp.m.* Xugo de canga. (MGG(L25)).

10336 **xugo de peaza** *s.comp.m.* Xugo de canga. (MGG(L21, L25)).

10337 **xugo de pialla** *s.comp.m.* Xugo de canga. (MGG(L28, L31, L36)).

10338 **xugo de piarza** *s.comp.m.* Xugo de canga. (MGG(L26)).

10339 **xugo de *barbillas** *s.comp.m.* Xugo de canga. (MGG(P8)).

10340 **xugo do carro** *s.comp.m.* Xugo de canga. (MGG(C29)).

10341 **xugo galego** *s.comp.m.* Xugo de canga. Xaquín Lorenzo diferénciao do *xugo portugués* (de cancís) e do *xugo castelán* (de molida). (XLF).

10342 **xugo ó colo** *s.comp.m.* Xugo de canga. (Parade.).

10343 **xugo xugular** *s.comp.m.* Xugo de canga. (XRMF4).

9.4.2.3. O xugo de cancís

O segundo tipo dos xugos de canga caracterízase por levar, en lugar das cangallas, dous arcos de madeira –ou ferro nos máis modernos-, abertos por riba e atravesando o corpo principal do xugo, que denominamos cancís e que lle dan o nome ó xugo.

Na clasificación que propón Xaquín Lorenzo, este tipo de xugo sería o denominado tipo B ou *xugo portugués*.

Manuel González explica que

> *O xugo tipo B. Segundo a palabra básica pra designar este tipo de xugo, e segundo os termos adxacentes que califican a esta palabra base, podemos clasifica-las denominacións do xugo tipo B da maneira seguinte: 1) Palabra xugo sin ningún tipo de complemento; 2) Palabra xugo con calificativos que fan referencia ós arcos de madeira que rodean o pescozo do animal; 3) Palabra xugo con complementos que fan relación ós animais que levan este tipo de xugo; 4) Palabra canga sin ningún complemento; 5) Palabra canga con calificativos relacionados con arcos de madeira que rodean o pescozo do animal; 6) Palabra canga con calificativos que fan referencia ós animais portadores do xugo* (MGG: 197).

10344 **canga 2** *s.f.* Xugo de cancís. *Pra xunguir os bois ou as vacas ao carro empregábase a 'canga' que apesares de ser o procedimento tradicioal, está hoxe case que desbotado pol-a 'molida' que aproveita millor a forza dos animaes, anque deixándolles menos libertade de movimentos* (Velle1:158). O texto ilústrase na px. 159 cun debuxo desta *canga*, que se corresponde co que nós denominamos como xugo de cancís. (Cenlle, MGG(L25, P20, P22, P23, P25, P26, P27, P28, P29, P30, P31), Velle1, XLF5(130, 152, 169, 193)).

10345 **cangalla 5** *s.f.* Xugo de cancís. (Cenlle).

10346 **xugho 2** *s.m.* Xugo de cancís. A nosa fonte escribe *xuh'o* (Corna.) e *xujo* (Illa2, Cang5). (Cang5, Corna., Illa2).

10347 **xugo 3** *s.m.* Xugo de cancís. (Cenlle, Esme., MGG(L39, O19, P15, P16, P17, P18, P19, P23, P24, P25, P32), Simes).

10348 **canga da torga** *s.comp.f.* Xugo de cancís. (MGG(L25)).

10349 **canga de chancil 1** *s.comp.f.* Xugo de cancís. (MGG(O6, O10)).

10350 **canga dos bois** *s.comp.f.* Xugo de cancís. (MGG(P33)).

10351 **sugo da torga** *s.comp.m.* Xugo de cancís. (MGG(L21, L25)).

10352 **xugo cangueiro** *s.comp.m.* Xugo de cancís. (MGG(O3)).

10353 **xugo da canga 2** *s.comp.m.* Xugo de cancís. (MGG(L22, L26, L30, L31, L36, O4, O16, P8, P10)).

10354 **xugo da torga** *s.comp.m.* Xugo de cancís. A

torga é o cancil. XLRG di *xugo de torga*. (Asma., Cerei., Espe., MeiraM, Nespe., Trasal.,XLRG).

10355 **xugo de arcos** *s.comp.m.* Xugo de cancís. (MGG(P21)).

10356 **xugo de bois** *s.comp.m.* Xugo de cancís. (MGG(L27)).

10357 **xugo de canciles 1** *s.comp.m.* Xugo de cancís. Este tipo de xugo, que para Xaquín Lorenzo é *xugo portugués* apoia no pescozo do animal, coma o de cangallas; pero mentres aquel ten dúas varas diverxentes en sentido vertical a cada lado do pescozo do animal, *este ten dous aros, 'bregueiros', de madeira, algúns de ferro, que entran de baixo a riba pasando por uns buratos e suxetándose ó xugo con sendas 'espichas' ou pasadores; coma se comprende, o pescozo do animal queda no interior do 'bregueiro' correspondente. Nistes dous tipos de xugo [xugo de cangalla e xugo de canciles], o punto de apoio é a cruz ou cachazo do animal, co que fai a forza cando puxa pola cárrega, levando a cabeza totalmente ceibe* (XLF:731-732). MGG recolle en P9 e P14 a forma *xugo de cancil*. (MGG(C47, C49, P9, P13, P14)).

10358 **xugo de canga 2** *s.comp.m.* Xugo de cancís. (XLF, XLF5).

10359 **xugo de cangalla** *s.comp.m.* Xugo de cancís. (MGG(C48)).

10360 **xugo de chanciles** *s.comp.m.* Xugo de cancís. (MGG(C2)).

10361 **xugo de *cuello** *s.comp.m.* Xugo de cancís. (Espe.).

10362 **xugo do *cuello** *s.comp.m.* Xugo de cancís. (Ben.).

10363 **xugo portugués** *s.comp.m.* Xugo de cancís. Ver XUGO GALEGO /10341. (XLF).

9.4.2.4. O xugo de molida



Xugo de molida dunha soa vaca (O Penedo, Xinzo de Limia).

O último tipo de xugo é o de molida ou xugo cornal, que vai atado ós cornos por medio das corneiras. Para Xaquín Lorenzo é o denominado xugo de tipo C ou *xugo castelán*.

Este xugo é o que se pode atopar en case todo o resto de España, así como no nordeste de Portugal [415].

10364 **molida 2** *s.f.* Ver XUGO DE MOLIDA /10374. *Pra xunguir os bois ou as vacas ao carro empregábase a 'canga' que apesares de ser o procedimento tradicioal, está hoxe case que desbotado pol-a 'molida' que aproveita millor a forza dos animaes, anque deixándolles menos libertade*

[415] "Desde el S. de Francia se extiende por casi toda la Península Ibérica; particularmente lo encontramos en Aragón, Provincias Vascongadas (convive con el yugular), Asturias, León, Sureste y Sur de Galicia (Este de Lugo, Este y Sur de Orense), Nordeste de Portugal (Tras-os-Montes, Sierra de la Estrella, donde convive también con el yugular), Zamora, Salamanca, Extremadura y Sur de España" (Ancares2:221. Alí, nas notas 406 e 407 ofrece máis bibliografía).

de movimentos (Velle1:158). A denominación de *molida* como o propio xugo, a diferenza do seu uso máis común para designa-la peza de coiro que vai entre a caluga e o xugo (Ver MOLIDA 1 /10927), queda evidente na figura que acompaña e ilustra o texto (Velle1:159). (MGG(L4, L5, L14, L25, L35, L38, O13, O14), Velle1).

10365 **sugo** *s.m.* Ver XUGO DE MOLIDA /10374. (Mez.).

10366 **xugo 2** *s.m.* Ver XUGO DE MOLIDA /10374. (Lamas2, Larou., Mez1, MGG(C4, L16, L32, L33, L35, L38, O3, O7, O9, O12, O13, O14, O17, O20, O21, O22, O24, O25, O26, O27, O28, O29, A1, A3, A4, A5, A6, A7, LE2, LE3, LE4, LE5, Z1, Z3)).

10367 **xugueta 2** *s.f.* Xugo de molida, que se usaba na arada cun só animal. (Larou.).

10368 **xuntoiro** *s.m.* Ver XUGO DE MOLIDA /10374. A nosa fonte define como "palo de la *molida*". (Ram.).

10369 **xugo castelán** *s.comp.m.* Xugo de molida. Ver XUGO GALEGO /10341. (XLF).

10370 **xugo cornal** *s.comp.m.* Xugo de molida. *Tanto o val de Ancares, coma os dous lugares de Suárbol e Balouta, pertence á área do denominado 'xugo' ou 'xugu cornal', é dicir, que os animais fan forza na testa e non no pescozo* (Ancares:339). (Ancares, Mez1, Parade., XRMF4).

10371 **xugo da cabeza** *s.comp.m.* Xugo da molida. (Ben., MGG(L26), Parade.).

10372 **xugo da molida** *s.comp.m.* Ver XUGO DE MOLIDA /10374. (Parade.).

10373 **xugo da mulida** *s.comp.m.* Ver XUGO DE MOLIDA /10374. (Escul., Fonta., LamasM, Parada., Pazó, Pentes2, Queizán, Sandiás2, Vilama.).

10374 **xugo de molida** *s.comp.m.* Xugo que apoia sobre a cabeza do gado e vai atado ós cornos. Xaquín Lorenzo describe así o xugo de molida: *O xugo do tipo C varía bastante diste* [do de cancís]: *en cada extremo tén unha serie de saintes, 'castelares', pola parte superior, por antre os que pasan as correas que o amarran ós cornos. O nome de xugo de 'mulida' que se lles dá é debido a que levan, antre o xugo e a cabeza do gado, un pelico pra amolecel-o contacto. A 'mulida' dá a volta por detrás e cai por riba do xugo, 'cuberta', pra tapal-as correas, 'cornás', e gardalas do sol e da chuvia. As 'cubertas' teñen no borde dianteiro un freco ou unhas bolras, 'milfeiras', pra xotal-as moscas, xa que o gado, por tel-a cabeza presa, non pode faguelo* (XLF:732-733). (MGG(C1, C3, C5, C18, L1, L2, L3, L5, L6, L9, L19, L22, L26, L29, L30, L31, L36, L37, O11, O18, O31, P1, P8, P10, A2, LE1)).

10375 **xugo de mulida** *s.comp.m.* Ver XUGO DE MOLIDA /10374. (Donís3, Grou2, Hermi., XLF, XLF5, XLRG, XRMF4).

10376 **xugo de palmela** *s.comp.m.* Xugo de molida. (MGG(O8)).

10377 **xugo do país** *s.comp.m.* Xugo de molida. (MGG(O8, O16)).

10378 **xugo vello** *s.comp.m.* Liste dálle esta denominación ó xugo de molida. (AL1).

En calzar abarcas e xoncer á molida pásase o día. (VS)
En comer papas, calzar abarcas e xunguir bois da molida pásase mitá do día. (VS)
En comer papas, calzar abarcas e xunguir os bois de mulida pásase todo o día. (VS) [416]
En comer papas e calzar abarcas e xunguir bois de molida vaise o dia. (SOBREI) [417]
Entre sacar as zocas, poñer as abarcas e sunguir os bois á molida pasan o día. (VS) [418]
O que á mulida xongue, alparagatas gasta e de mulleres fai caso, sempre andará descalzo. (VS) [419]
O que de mañá come papas e xungue os bois á molida, ten a mañá perdida. (VS)
O que vacas á mulida xongue, alparagatas gasta e de mulleres fai caso, nunca terá diñeiro e sempre andará descalzo. (VS)
O que xungue os bois á molida e come papas cun fuso, váiselle a mitá do día. (VS) [420]
Homes de baixo, homes chufós; bois da mulida, carros cantós; medas na aira cuma cagallós. (VS) [421]
Homes de Lemos, homes chufós; bois da mulida, carros cantós. (VS)

---

[416] VS mc: *comer papas, e calzar abarcas*.

[417] No texto: *jungir, vayse.*

[418] VS define as *abarcas* recollendo palabras de Eladio Rodríguez (s.v. *abarca* e s.v. *abarcas*): *En sentido burlesco, zuecos grandes y mal hechos. ... En Mondoñedo, MADROÑA, zapato todo de madera y una sola pieza; ZOCA. Zapato de cuero ceñido a los pies. Se usa en las montañas de Caurel y del Cebreiro.*


[419] Saco recolle tamén este paralelo: *O que calza alpargatas e de mulleres fai caso, nunca xuntará cartos e andará sempre descalzo*.

[420] Saco comenta: *Lo primero es uncirlos a los cuernos, y no se hace sino para trabajar en zonas abruptas y empinadas, lo que supone trabajo penoso y que exige mucho tiempo; lo segundo es claro*.

[421] VS di que llelo din ós de Senras, o que nos fai pensar que o informante é dun lugar que está máis alto que Senras. Como as *Senras* son ou de Begonte ou Laracha e Laracha cae fóra tanto do territorio das terminacións en *–ós* coma do uso do xugo de molida, supoñemos que estas Senras son de Begonte.

9.4.2.5. Outros tipos de xugo

Podemos ver que, ademais dos tres tipos de xugo típicos, para arar ou turrar do carro, existen outras tipoloxías adaptadas a necesidades máis particulares: para adoumar un novo animal (entre os que destacaría, pola súa curiosidade, o xugo de aparentemente tres cabezas), para xunguir cun burro, para sachar sen tripar nas plantas (extensibles ou con dous rebaixes –*cangadoiros*- a cada lado) ou mesmo para luci-lo gando na feira.



Xugo mixto (vaca e mais un burro).



Xugo con dúas posicións para aproximar ou separa-la xugada (Centro Etnográfico de Soutelo de Montes, Forcarei, Pontevedra).

10379 **cambón 3** *s.m.* Xugo moi ancho. (TCha).

10380 **collerón** *s.m.* Aparello no pescozo da vaca no que se engancha o carro. (Mez.).

10381 **xogueta** *s.f.* Xugo recto usado para ara-lo millo. No *Glosario de voces galegas de hoxe* aparece realmente como *xoqueta*, pero o propio informante confirmounos que é unha errata. (Feás-A).

10382 **xuga** *s.f.* Variedade de xugo máis grande có normal. Eladio Rodríguez completa a explicación: "Yugo de mayor longitud que el corriente y que se usa para arar las patatas y el maiz. Su mayor longitud -mide metro y medio mientras el corriente mide un metro- permite que las reses vayan más separadas y puedan caminar por el fondo del surco -por la *cal*- evitando así que pisen y aplasten las plantas". (ERG, Fri., Gui., XER).

10383 **xugueta 1** *s.f.* Xugo pequeno. Noalla3 dinos que é o xugo dunha soa vaca. (Cab., Noalla3, XER).

10384 ***yugo de feria** *s.m.* Xugo máis lixeiro e delgado có normal e que usan os labregos para uñi-los bois cando os levan á feira. (VGR).

10385 **xugo da calea** *s.comp.m.* Xugo máis longo có normal. (Gun.).

10386 **xugo da gala** *s.comp.m.* Xugo con debuxos tallados na madeira ou con cravaxe nas mazas ou castelos. (Parade.).

10387 **xugo da pialla** *s.comp.m.* Tipo de xugo usado no concello de Paradela. Só é bo para os terreos chans. (Parade.).

10388 **xugo da sachadora** *s.comp.m.* Xugo utilizado para sacha-lo millo, máis longo có usado no carro, para que as vacas non pisen no rego. (Gro1).

10389 **xugo das vacas da canga** *s.comp.m.* Xugo usual no concello de Paradela. (Parade.).

10390 **xugo de calear** *s.comp.m.* Xugo de maiores dimensións có normal. Os dicionarios definen *calear* como "Hacer *cales* o surcos en la tierra" (LCA1); "Sembrar en surco" (Cab.) (AL1).

10391 **xugo de rendar** *s.comp.m.* Xugo de 1,80 m de longo polo menos con varias furas nos extremos para poder cambia-la anchura da xugada. Alóngase ou encóllese a anchura do xugo co obxecto de que a xugada vaia polas cales dos sucos e non tripen as caneiras (Parade.:64). Os dicionarios definen así as voces *rendar* e *arrendar*: "*arrendar* v. a. de Porriño. *rendar*, que allí es dar la tercera sacha al millo, después de la decrua, y en otras partes es dar la segunda. *rendar*. Dar segundo sacho al millo. Areas". (SOBREI).// "*rendar* Escardar, dar la escarda al maíz, arrancándole con el SACHO las malas hierbas" (ERG). (Parade.).

10392 **xugo dos bois** *s.comp.m.* Xugo usual no concello de Paradela. (Parade.).

10393 **xugo extensible** *s.comp.m.* Xugo cun mecanismo na canga que permite separar máis ou menos as vacas. Dáse na zona galega de Asturias. (Bable).

10394 **xugo individual** *s.comp.m.* Xugo dunha soa vaca. (Bable).

10395 **xugo mixto** *s.comp.m.* Xugo especial, asimétrico, no que se xunguía un burro cunha vaca para arar unha terra. Parece ser de uso moi infrecuente. (AL1, Hermi.).

10396 **xugo para refender ou sementar** *s.comp.m.* Xugo de 1,20 m máis ou menos de longo. Outras fontes definen *refender* da seguinte maneira: 1. "Dar la segunda arada, la refenda" (ERQ1). 2. "Roturar la tierra después de gradarla por segunda vez" (Sob. Gui. Xun. Ver1). 3. "Hacer surcos en un terreno de barbecho en distinto orden al existente anteriormente" (Per.). (Parade.).

10397 ***tabla do *cuello** *s.comp.f.* A nosa fonte defíneo simplemente como "especie de xugo para traballar". (Cab.).

9.4.2.6. O corpo do xugo

A peza fundamental do xugo é o pau máis ou menos groso que abraza por riba o pescozo ou as cabezas dos dous bovinos xunguidos. Case tódalas nosas fontes designan esta peza como *peza central, parte principal* ou *corpo do xugo* e outros nomes frecuentes son *canga, mesa, pau da cangalla, pau do xugo, peito do xugo* ou mesmo *xugo*. Nesta peza tállanse uns arcos inferiores, para amoldalo mellor ó animal, e uns saíntes superiores para fixa-las correas coas que se suxeita o xugo á cabezalla ou as que atan os animais ó xugo, e tamén se complementa con outras pezas –cangallas ou cancís- cando a suxección non é ós cornos.

10398 **cabezalla 2** *s.f.* Ver CANGALLA 3 /10400. (Castre.).

10399 **canga 4** *s.f.* Peza principal ou corpo do xugo, constituída por unha soa peza que vai por riba da xugada en posición horizontal. (Cañiza2, CovasC, Lousado, Malvas, MGG(O6, P20, P23, P25, P26, P27, P29), Trasal., Veiga, VilarM).

10400 **cangalla 3** *s.f.* Peza principal ou corpo do xugo. (Castre., Corna., MGG(P12), Nogue., Simes).

10401 **mesa 4** *s.f.* Peza principal ou corpo do xugo. (MGG(C5)).

10402 **papo 5** *s.m.* Peza principal ou corpo do xugo. (Caa., MGG).

10403 **peito 5** *s.m.* Peza principal ou corpo do xugo. (MGG).

10404 **ponte** *s.f.* Parte central do xugo. (Suarna).

10405 **shugho 2** *s.m.* Peza principal ou corpo do xugo. (Beluso1).

10406 **tronco 3** *s.m.* Peza principal ou corpo do xugo. (MGG(L15)).

10407 **xugo 5** *s.m.* Peza principal ou corpo do xugo. (CovasC, MGG(C15, C31, C34, L4, L5, L8, L12, L13, L18, L21, L25, L26, L28, L30, L35, L39, O19, P5, P18), Ramil).

10408 **pau de cangalla** *s.comp.m.* Peza principal ou corpo do xugo. (MGG(P16)).

10409 **pau do xugho** *s.comp.m.* Ver PAU DO XUGO /10410. (Illa2).

10410 **pau do xugo** *s.comp.m.* Peza principal ou corpo do xugo. (MGG(C2, C20, C25, C32, C40, P1, P5)).

10411 **peito do xugo** *s.comp.m.* Ver PEITO 5 /10403. (MGG(Toba, 28), Toba, Vala., XER).

9.4.2.7. Extremos ou cabezas do xugo

10412 **cabeza 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada un dos extremos do xugo. (Mez., XLF5(10, 97, 109, 120, 124, 184, 199, 201)).
10413 **camella 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada un dos extremos ou cabezas do xugo. (XLF5(174)).
10414 **cocote 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CABEZA 1 /10412. (XLF5(110, 115)).
10415 **maza 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha dos extremos ou cabezas do xugo, ás veces extensibles, para axeitalo ó ancho dos camiños. (VCas).
10416 **testeira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CABEZA 1 /10412. (XLF5(159)).

9.4.2.8. O cangadoiro

A cara inferior do xugo presenta dous arcos que apoian no pescozo do animal, máis pronunciados no xugo de molida; menos pronunciados no de cangallas, no que ás veces son inapreciables

10417 **ascavación** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGADOIRO /10434. (XLF5(86, 87)).
10418 **asentadoiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CANGADOIRO /10434. (XLF5(197)).
10419 **boca 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGADOIRO /10434. No xugo de molida. (MGG(L29, LE2), XLF5(87)).
10420 **cabeceira** *s.f.* Ver CANGADOIRO /10434. No xugo de molida. (MGG(O22)).
10421 **cabeza 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGADOIRO /10434. No xugo de molida. (MGG(O3, A3, LE3, LE4, LE5), XLF5(76, 77)).
10422 **cama 2** *s.f.* Ver CANGADOIRO /10434. (MGG(P24)).
10423 **camba 1** *s.f.* Ver CAMELA 3 /10427. (Ancares, Ancares2).
10424 **cambela** *s.f.* Ver CAMELA 3 /10427. (Seoane).
10425 **cambeleira 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAMELA 3 /10427. (XLF5(32, 34)).
10426 **cambellón** *s.m.* Ver CAMELA 3 /10427. Rivas Quintas advirte en Frampas II que na primeira edición (Frampas I) aparece en Millarouso *cambellais*, erroneamente por *cambellois*. O problema é que en Frampas I ese plural faino sobre *cambillón*, entalla ou rebaixe de xugo para suxeita-lo estrobo. (Milla.).
10427 **camela 3** *s.f.* Cada un dos arcos do xugo que apoian sobre o pescozo dos animais. (Ancares, Bable, Burón, GAL, MGG(LE1), Suarna, XLF5(36, 37, 43, 44)).
10428 **cameleira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAMELA 3 /10427. (XLF5(41)).
10429 **camelo 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMELA 3 /10427. (XLF5(56)).
10430 **camella 1** *s.f.* Ver CAMELA 3 /10427. (Ancares, Ancares2, Hermi., Lubián, MGG(L19, Z1, Z3), Pentes1, VGR).
10431 **cancilleira 2** *s.f.* Arco do xugo. (Gun.).
10432 **canga 7** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGADOIRO /10434. (XLF5(152, 196)).
10433 **cangadeira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGADOIRO /10434. (Castre.).
10434 **cangadoiro** *s.m.* Parte achairada ou rebaixada do xugo que descansa encol da caluga das vacas. (Aldo., Mond6, XLF, XLF5(98, 196)).
10435 **cango** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CANGADOIRO /10434. (XLF5(123)).
10436 **cangón 1** *s.m.* Ver CANGADOIRO /10434. (MGG(Goyán, 77)).
10437 **coleira 2** *s.f.* Ver CANGADOIRO /10434. No xugo de molida. (MGG(L22)).
10438 **colo 3** *s.m.* Ver CANGADOIRO /10434. (VS2).
10439 **corredor** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CANGADOIRO /10434. (XLF5(164)).
10440 **maza 3** *s.f.* Ver CANGADOIRO /10434. *O xugo é un pau ben labrado, groso e con certos altos e baixos, acabado nas esquinas cunha forma axeitada á cabeza das vacas, chamada 'maza'* (JEFA:91). (JEFA, MGG(O11), XLF5(156, 182)).
10441 **mazá 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MAZA 3 /10440. (MGG(O20)).
10442 **mesa 3** *s.f.* Parte plana do xugo que apoia na caluga da vaca. Mez. e XLF5 recólleno en pl.: *mesas*. MGG aplícao exclusivamente ó xugo de molida. (Gud., Gud5, Mez., Mez1, MGG(O21, O22, O24, O28, O30), Sandiás2, Ver1, Vil., XER, XLF5(120, 144, 171, 183, 184, 189, 201)).
10443 **pa 5** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGADOIRO /10434. (MGG(Castro Caldelas, 86), XLF5(142)).
10444 **pala** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PA 5 /10443. (Mez.).
10445 **palmela** *s.f.* Ver PA 5 /10443. No xugo de molida. (MGG(O8, O13)).
10446 **pescoceira 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGADOIRO /10434. (Malvas).
10447 **rebaixiña** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGADOIRO /10434. (MGG(P26)).
10448 **xugueira 3** *s.f.* Ver CANGADOIRO /10434. (GAL, MGG(C48, O17), Simes, VS2(Lalín, Breixa)).
10449 **xugueiro 1** *s.m.* Ver CANGADOIRO /10434. (MGG(L35)).
10450 **comba do xugo** *s.comp.f.* Ver CANGADOIRO /10434. No xugo de molida. (MGG(O5)).
10451 **escote da mulida** *s.comp.m.* Ver CANGADOIRO /10434. (Parada.).
10452 **cabeza do xugo** *loc. s.* Ver CABEZA 2 /10421. A nosa fonte engade: "En Bierzo occ. (Viariz, Moral...) *xóncese á cabeza con mulida*; y en el *xugo*, lo que va sobre la mulida y cabeza del animal, es *cabeza do xugo*". (ERQ3).

9.4.2.9. O apondouro

Rebaixa que presenta o xugo tamén na cara inferior pero na parte central, para acolle-lo extremo da cabezalla.

10453 **apondouro 1** *s.m.* Entalla na parte media do xugo onde cadra coa cabezalla. (Bueu3, XLF5(166, 169)).
10454 **entalla 3** *s.f.* Ver APONDOURO 1 /10453. (Com1, Feás-A, Gui., Mel1, Nove., Oirós, San., Sob., Toba).
10455 **luidoiro 1** *s.m.* Ver APONDOURO 1 /10453. (XLF5(100)).
10456 **mesa 7** *s.f.* Entalla na parte inferior do xugo na que se ata o arcoxo. "Donde se ata el barzón es una entalladura o corte hecho en el yugo, que por su parte inferior es *a mesa* (más raro *sobiadeira* o *subiadeira*)" (Ancares2:233), e engade que en Pías, Mondariz, *mosa*; en Ourense, *murnalla* ("en los yugos yugulares o de canga es el *apodouro*") e en Coimbra, *camallau du meo da canga*. (Ancares2).
10457 **mosa 2** *s.f.* Ver MESA 7 /10456. (Ancares2(Mondariz)).
10458 **murnalla 2** *s.f.* Entalla na parte inferior do xugo na que se ata o arcoxo. (Ourense1).
10459 **pondouro** *s.m.* Ver APONDOURO 1 /10453. (XLF5(159)).
10460 **sobiaideira** *s.f.* Ver SUBIADEIRA 2 /10461. (Ancares).
10461 **subiadeira 2** *s.f.* Entalla na parte inferior do xugo na que se ata o arcoxo. (Ancares2).

9.4.2.10. Outros elementos

10462 **chazo** *s.m.* Burato no medio do xugo. (Marín).
10463 **tapa 2** *s.f.* Peza recta que cobre a parte central do xugo en Meira, onde noutras partes adoitan esta-los castelares. (Meira4).

9.4.2.11. Os castelares

Na cara superior do xugo podemos observar unha serie de saíntes, denominados camallóns ou castelares (quizais pola evidente semellanza coas ameas dun castelo).

Nos xugos de canga adoitan ser tres, parellos ou non, e neste caso toma o central maiores dimensións. A súa función consiste en suxeita-lo timoeiro, entre as entallas que delimitan, evitando así que este se desprace lateralmente. Nos xugos de molida atopamos, ademais destes tres –ou máis- castelares centrais, outros laterais entre os que se atarán as corneiras.

Con todo iso, antes de ir máis adiante, temos que resaltar que castelares e entallas se denominan co mesmo nome en numerosos lugares. Isto xa o salientaba en 1979 Manuel González González [422] coas seguintes palabras:

> *É curioso observa-lo feito de que nos puntos onde se coñece unha denominación pra designar ós rebaixes da parte superior do xugo, é raro atopar un nome prós castelos que se atopan cabo deles; e, pola contra, nos puntos nos que deron unha resposta prós castelos, non coñecían ningún nome prós rebaixes que quedan no medio deles. Isto indícanos que o pobo non sente a necesidade de diferenciar ámbalas partes con dous nomes distintos, e explícanos, asimesmo, o que as marxes conceptuais entre ámbalas partes non estean craras. Isto dá lugar a que nomes, como castelos, que se aplican xeralmente ás prominencias da parte superior do xugo, aparezan, ás veces, designando ós rebaixes ou entrantes que están ó seu lado.*

Un par de exemplos ben significativos. *Maza, mazá* e *mazán* designan, en lugares diferentes, tanto os castelares como as entallas que se abren entre eles. Máis expresivo é o feito de que nun mesmo lugar (neste caso, Melide) tres informantes recollan valores contrapostos: así Mel1 e Mel2 recollen *camallóns* como saíntes do xugo mentres que Mel4 recolle a mesma palabra co valor de entallas ou rebaixes entre os castelares do xugo. Outro caso ben expresivo é o que ofrece ERQ3, recollido en Vilamarín (OU), no que *camallón* se define como "prominencia y su rebaje en el yugo".

10464 **betoque** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. No xugo de cancís. (MGG(P24)).
10465 **bugallón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. A nosa fonte recolle a forma de plural *bugallós*. (MGG(L28), XLF5(66)).
10466 **calimosa 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. (ERG).
10467 **calmoza 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. No xugo de molida. (MGG, XLF5(75, 84)).
10468 **camallón 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos tres

[422] MGG:1,261. Dicir parece que xa o dicía Díez Caneja en 1942 (*pueden también referirse a las muescas y socavones en la parte alta de la gamella, en la línea del yugo, para sujetar el sobeo y las cornales*) e así o cita Ancares2 na p. 224.

dentes saíntes que hai na parte superior do xugo. Forman unhas entallas para enganchalo loro. *E no meio da parte superior* [do xugo] *levan tres resaltes chamados 'camallós' que sirven pra aseguralo â cabezalla do carro* (Mel2:399). *Hai xugos d'outro feitío, máis dereitos e c'un soilo camallón máis ancho no meio* (Mel2:400). Pero para Mel4 (de Frampas II) son os "rebajes, muescas en el yugo". XLF5 e MGG recólleno en plural (*camallóns* en C13, C23, C29, C37 e C43) e *camallós* en C25, C26a e C35). (Com1, Dum., ERG, Maía2, MGG(C13, C23, C25, C26a, C29, C35, C37, C43), Mel1, Mel2, Nove., San., Sob., Toba, XLF5(22, 45, 49, 64, 65, 81)).

10469 **camarsón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. (Nande, XLF5(20)).

10470 **camarzón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. (MGG(C12)).

10471 **camasón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. (MGG, XLF5(112)).

10472 **camballón 1** *s.m.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. (Carbia, MGG(O24), Oirós).

10473 **cambelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. (XLF5(145)).

10474 **cambillón 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. No xugo de molida. A nosa fonte recolle a forma de plural *cambillois*. (MGG(O12)).

10475 **camela 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. (ERG, MGG(L33, A3), XLF5(55, 56, 68, 74, 77, 84, 87)).

10476 **camelo 1** *s.m.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. As nosas fontes recólleno en plural, *camelos*. Nos lugares de Suárbol e Balouta, así como no val de Rao (Ancares). (Ancares, Ancares2, MGG(L23, L29, O3, A7, LE2, LE3), Vila., XLF5(57, 76, 86, 87)).

10477 **camella 2** *s.f.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. (DRAG, ERG, XLF5).

10478 **camellón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. (XLF5(M)).

10479 **camosco 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos castelares do xugo, concretamente os centrais, nos que se ata o loro. "El *loro* que sujeta el timón o lanza al barzón da vueltas al yugo, enrollándose en unas aspas, cuernos, torrecillas o pinos que, en número par, lleva el yugo en su parte media, y corniles en los extremos. [...] En Ancares se llaman *camoscos* (*camelos* en Suárbol); en Sisterna, *camuözcus dil medio* y los de los extremos *camuözcus da cabeza*; en el Bierzo *camuesos*; id. en Andiñuela. Los de los extremos para atar las cornales se llaman en ancarés *os rabos da cornal*" (Ancares2:224). (Ancares, Ancares2).

10480 **camosquio** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMOSCO 1 /10479. No xugo de molida. (Ancares2, MGG).

10481 **camozco** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMOSCO 1 /10479. No xugo de molida. (Ancares, MGG(LE1)).

10482 **camozo** *s.m.* Ver CAMOSCO 1 /10479. (Ibias1, MGG(LE4)).

10483 **camozquio** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMOSCO 1 /10479. No xugo de molida. (Ancares, Ancares2, MGG).

10484 **camueso** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos catro saíntes que presenta o xugo e que serven uns para suxeita-lo estrobo e outros para ata-los cornais. (Ancares2, MGG(LE5), VGR).

10486 **camulo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMOSCO 1 /10479. (XLF5(144)).

10487 **canga 9** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. No xugo de cangallas. (MGG(C32)).

10488 **casa 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. No xugo de molida. Este é un dos casos nos que unha voz designa dúas realidades contiguas pero distintas. (MGG(O30)).

10489 **castelar 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos saíntes na parte superior do centro do xugo nos que se ata o estrobo. (CVer2, MGG, XLF, XLF5(53), XRMF4).

10490 **castelo 1** *s.m.* Conxunto dos castelares, posiblemente porque evoca as ameas dun castelo. Foz3, Goiriz, LamasC, Moeche, Parada., Parga, Régoa, Santa.: "Castelares no xugo de cangallas". No xugo de Meira, os castelares son os espazos que quedan entre os dous furados prá lora, na parte central e inusualmente alta da canga. Aníbal Otero defíneo como cada un dos elementos deste conxunto de tres saíntes: "Cada una de las partes del yugo que sobresale entre los rebajes que éste lleva para la dobra", pero tamén lle dá o significado do rebaixe nas cangallas: "Muesca de los chanciles donde se aseguran los apeares". (Caa., Cab., Cre., ERGa, Feás-A, Foz3, Goiriz, Gun., LamasC, Meira4, Moeche, Parade., Parga, Piquín, Régoa, Santa., Sob., Suarna, Vala., MGG(C2, C4, C5, C6, C7, C8, C9, C20, C31, L1, L2, L5, L7, L11, L13, L14, L16, L17, L19, P6, A5), XLF5(11, 17, 29, 30, 31, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 39, 41, 42, 43, 44, 50, 52)).

10491 **comallón** *s.m.* Ver CAMALLÓN 1 /10468. (Cur.).

10492 **corneia** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. No xugo de molida. (MGG(A2)).

10493 **costelar 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. (Castre.).

10494 **chancil 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. No xugo de molida. A nosa fonte recolle a forma de plural *chanciles*. (MGG(Pedrafita, 116)).

10495 **dente 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. (XLF5(155)).

10496 **espigo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. No xugo de molida. (MGG(O9)).

10497 **gastallar** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. Rivas Quintas lematiza *gastallares* e localízao

en terras de Viana e As Frieiras. (ERQ3).

10498 **gastelar** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. Rivas Quintas lematiza *gastelares* e localízao en Santalla de Corgo, Lugo. (ERQ3).

10499 **loro 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. Non é a primeira vez que, neste traballo, encontramos palabras que designan secundariamente realidades contiguas á que designan primariamente. Véxase o que dicimos en *bozo* (12210 e 596) e en *canada* (10280, 5578, 6940). Neste caso a nosa fonte de información di textualmente *'castelos', en Trastoy, 'loros'*, así, en plural, o que claramente alude non ó *loro*, denominación común do estrobo, peza única e singular, senón a unha realidade plural e por iso pensamos que a interpretación correcta desa información é que os castelos nos que se insire o loro chámanse *loros* en Santaballa de Vilalba (Santa). E lémbrese que nesa mesma zona próxima a Vilalba rexistrámo-los nomes de *lora* e *estrobo*. (Santa.).

10500 **malla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. (XLF5(155)).

10501 **mallo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. (XLF5(193)).

10502 **maza 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MAZÁ 1 /10503. No xugo de molida. (MGG(O29)).

10503 **mazá 1** *s.f.* Prominencia ou releve do xugo. Lim1 defíneo como parte prominente nas cabeceiras do xugo. (Lim1, MGG(O7), Noalla3, Parade., Sandiás2, XLF5(98, 110, 122, 164), Xun2).

10504 **mazán 2** *s.f.* Ver MAZÁ 1 /10503. (Lim1, MGG(C47)).

10505 **mornalla 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. (XLF5(81, 116, 119, 130, 131, 152, 171, 172, 188)).

10506 **murnalla 1** *s.f.* Ver MORNALLA 3 /10505. No xugo de cangallas. MGG recólleo de Crespo Pozo. (MGG, XLF5).

10507 **pera** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das partes saíntes do xugo para suxeita-la dobra. Ced. recólleo en singular. (Ben., Ced., Devesa2, MGG, XLF5(7, 8, 9)).

10508 **pico** / **picón** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das prominencias do xugo. As nosas fontes recollen as formas de plural *picos* e *picós* e sitúan na mesma localidade (A Mezquita) as dúas variantes, grave e aguda. (Mez1, Mez3, MGG(O24)).

10509 **pipelo** *s.m.* Relevo do xugo. Aplícase tamén a outros obxectos parecidos. (Drago.).

10510 **postoira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. (XLF5(147)).

10511 **torno 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das prominencias menores situadas a cada lado do castelo. O estrobo sitúase entre elas e o castelo. (Parga).

10512 ***calabaza** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. (MGG(L4, L14)).

10513 ***cancilla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. No xugo de cangallas. (MGG(C21), Ulloa).

10514 ***castillo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELO 1 /10490. (MGG(C20)).

10515 ***ghemelo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CASTELAR 1 /10489. (Donís3).

10516 **rabo da cornal** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos saíntes que ten o xugo de molida nos extremos para ata-las cornais ou sogas que o suxeitan ós cornos da vaca. "En Ancares se llaman *camoscos* (*camelos* en Suárbol) [...] Los de los extremos para atar las cornales se llaman en ancarés *os rabos da cornal*" (Ancares2:224). (Ancares, Ancares2).

9.4.2.12. As entallas

Naturalmente, entre os castelares que viamos antes quedan unhas entallas destinadas a acolle-lo timoeiro e mais, no caso dos xugos de molida, as corneiras. Véxase o dito na epígrafe anterior.

10517 **apostallo** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares. (Malvas).

10518 **bornalla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares (no xugo de cancís). (Esme., MGG(P23)).

10519 **bugalleira** *s.f.* Conxunto das entallas entre os castelares. (Ulloa).

10520 **cace** *s.* Ver CASA 1 /10532. (XLF5(141)).

10521 **cácer** *s.* Ver CASA 1 /10532. (MGG, XLF5(158, 159)).

10522 **calmosa 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares. (MGG(L30)).

10523 **camallón 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares. Mel4 fai o plural en *camallós*. Debe terse en conta que para Mel1 (do *Glosario de voces galegas de hoxe*) e Mel2 (*Terra de Melide*), *camallón* e *camallós* son os castelares, as prominencias que enmarcan estas entallas. Rivas Quintas defíneo en *Frampas II* (para nós, Mel4) como "rebajes, muescas en el yugo". Ningunha das tres localizacións de MGG corresponde a Melide. (Mel4, MGG(C18, C34, C40)).

10524 **camballón 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMALLÓN 2 /10523. No xugo de molida. A nosa fonte recolle a forma de plural *camballós*. (MGG(O13, O22)).

10525 **cambillón 2** *s.m.* Ver CAMALLÓN 2 /10523. As nosas fontes recollen en plural *cambillois*. Ver nota a CAMBELLÓN /10426 (parte curva do xugo que apoia na testa da vaca) en 9.4.2.8. *Cangadoiro*. Aníbal Otero (*Contribución al léxico gallego*

y asturiano) define así esta voz: "Cada una de las entalladuras que, en número de seis -dos para cada coyunda y dos para el timoeiro o barzón-, lleva el yugo". MGG recólleo de Crespo Pozo. (Domiz, MGG, Milla., Seoane).

10526 **camela 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares. (Espe., Queizán, XLF5(84)).

10527 **camelo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMELA 2 /10526. No xugo de molida. (MGG(Ancares, 224)).

10528 **camosco 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares no xugo de molida. Ben mirado, a información que ofrece Ancares2 é algo confusa e aínda que nós interpretamos que con esta voz se designan os castelares, non se pode excluír que tamén designen as entallas, como o interpreta MGG. Ver Ancares2:224. (MGG(Ancares, 224)).

10529 **canda** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares. (XLF5(145)).

10530 **cangallo 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMALLÓN 2 /10523. (Maía2, MGG).

10531 **cansamón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CAMALLÓN 2 /10523. (MGG(C48)).

10532 **casa 1** *s.f.* Cada unha das entallas do xugo onde se introducen as tiras de coiro do xugo de molida que une o bovino ó carro ou arado. (MGG, Ver1, XLF5(142)).

10533 **castelar 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas entre os castelares. A. Liste escribe por dúas veces *castelanes* con este significado, pero sospeitamos que se trata dunha errata do xornal por *castelares*. No debuxo que acompaña ó artigo sinala claramente con este nome as entallas. (AL1, Mond6).

10534 **castelo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares no xugo de molida. (MGG(L2)).

10535 **corte 3** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas entre os castelares. (Pentes2).

10536 **dentaxe 2** *s.f.* Ver ENTALLA 2 /10537. (Xun2).

10537 **entalla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Rebaixa que se fai na madeira do xugo para que encaixe o estrobo ou os cornais. (Maía2, MGG(C35, P15, P17), Noalla3, XLF5(27, 31, 54, 115, 160)).

10538 **entretalla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ENTALLA 2 /10537. (MGG(C6)).

10539 **escava** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ENTALLA 2 /10537. (MGG(P32), XLF5(149)).

10540 **estría** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas entre os castelares no xugo de cancís. (MGG(P26)).

10541 **gargal 2** *s.m.* Ver GORXA 5 /10542. A nosa fonte recolle a forma de plural *gargales*. (XLF5(165)).

10542 **gorxa 5** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas entre os castelares. (XLF5(156)).

10543 **loedoiro** *s.m.* Conxunto de entallas do xugo entre os castelares. (Maía2, MGG).

10544 **luidoiro 2** *s.m.* Conxunto de entallas do xugo entre os castelares. (MGG).

10545 **maza 2** *s.f.* Ver MAZÁ 2 /10546. (Mra., Ver1, Xun.).

10546 **mazá 2** *s.f.* Entalla do xugo entre os castelares no xugo de molida. (MGG(L34, O14, O20)).

10547 **mazán 1** *s.f.* Ver MAZÁ 2 /10546. No xugo de cancís. (Gro1, MGG(P13, P18)).

10549 **mesa 6** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares no xugo de molida. (Barbos, MGG(Vilardevós, 90)).

10550 **mordente** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver ENTALLA 2 /10537. No xugo de molida. (Merca).

10551 **morgalla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MORNALLA 2 /10553. (Caa).

10552 **mormalla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MORNALLA 2 /10553. (MGG(P7)).

10553 **mornalla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares. (Cenlle, MGG(P11)).

10554 **mornalle** *s. Ú. m. en pl.* Ver MORNALLA 2 /10553. (XLF5(189)).

10555 **mosa 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MESA 6 /10549. (ERG, Grou2, Lamas2, MGG(O26, O27, O28), XLF5(199)).

10556 **moxega 1** *s.f.* Ver ENTALLA 2 /10537. (Forc1).

10557 **muleira 1** *s.f.* Entalla do xugo entre os castelares no xugo de molida. (MGG(O27)).

10558 **pecho 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas entre os castelares do xugo de molida. (MGG(O21)).

10559 **pondoura** *s.f.* Entalla do xugo entre os castelares no xugo de cancís. (MGG(P27)).

10560 **rebaixe 2** *s.m.* Ver ENTALLA 2 /10537. (MGG(L35, O19), Pazos, XLF5(176)).

10562 **talla 1** *s.f.* Ver ENTALLA 2 /10537. (MGG, XLF5(97, 109, 120, 154)).

10563 **tallo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver ENTALLA 2 /10537. (XLF5(98)).

10564 **xoga 3** *s.f.* Cada unha das rebaixas ou entallas do xugo. (Souto).

10565 **xugueira 4** *s.f.* Moldura, entalla do xugo. (Insua).

10566 ***cancillar** *s.m.* Conxunto de entallas na parte central do xugo onde se ata a dobra. (Cam2).

10567 ***cárcel 2** *s.f.* Entalla do xugo entre os castelares no xugo de molida. (Laxe, Mez., MGG, Suarna).

10568 ***casilla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas entre os castelares. (Maía2, MGG(C24, P15, P16), XLF5(114)).

10569 ***ventana** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas entre os castelares. Tendo presente que o sistema que segue Xaquín Lorenzo sempre é cunha numeración consecutiva, cabe supoñer que algunha destas dúas localizacións (110,22) ten que ser errónea. (XLF5(110, 22)).

10570 **cangalla do loro** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Cada

unha das entallas do xugo entre os castelares. (MGG(P1)).

10571 **casa da cornal** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo cornal onde se atan os cornos das vacas. A nosa fonte recolle a forma de plural *casas das cornais* e Mez1 tamén recolle *cornaes*. Friei. recólleo co complemento en masculino *casas dos cornais*. (Friei., Mez1, MGG(O24)).

10572 **casa da soga** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas entre os castelares. (Mez.).

10573 **casa do tamoeiro** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas entre os castelares. (Friei., Mez1, MGG(O24), XLF5(182, 188, 201)).

10574 **casa do timoeiro** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver CASA DO TAMOEIRO /10573. (Mez.).

10575 **cazo do loro** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas entre os castelares no xugo de cangallas. (Mens).

10576 **encaixe da lora** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares entre os que pasa a lora. (MGG(L15)).

10577 **entalla do coiro** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver ENTALLA 2 /10537. (Beluso1, Nogue.).

10578 **entalla do xugho** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver ENTALLA 2 /10537. (Illa2).

10579 **furado pra lora** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das aberturas no peito do xugo de Meira polas que pasa a lora ou dobla e que fan a función das entallas. (Meira4).

10580 **mesa da cornal** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares no xugo de molida. A nosa fonte recolle a forma de plural *mesas das cornaes* e *mesas das cornales*. (MGG(O24)).

10581 **mesa do tamoeiro** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver CASA DO TAMOEIRO /10573. (MGG(O24)).

10582 **monte do loro** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares, onde monta o loro. Ramón Lorenzo dubida da información: "La primera, *montes do loro*, me hacen desconfiar. ¿Se referirá a los rebajes o a los tres salientes?". (Maía2, MGG).

10583 **pecho do xugo** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas entre os castelares. (Gud5).


10584 ***cárcel do loro** *s.comp.f.* Cada unha das entallas do xugo entre os castelares centrais do xugo. A nosa fonte recolle a forma de plural *cárceles do loro*. (MGG(C17)).

9.4.2.13. O estrobo, loro ou corre

O estrobo ou timoeiro é unha peza fundamental do xugo que o suxeita firmemente á cabezalla do carro ou ó timón do arado, segundo o caso.

O máis común consiste nunha forte e longa correa de coiro, de ata dous metros, coa que literalmente se ata o xugo á cabezalla, facéndoa pasar polas rebaixas talladas na parte superior do xugo, entre os castelares. Este tipo recibe comunmente a denominación de *timoeiro*, *loro* ou *sobeo*.

Outro modelo de timoeiro está constituído por unha vara retorta de carballo ou doutras madeiras, domeadas ó lume, que, a modo de anel dobrado encaixado naquelas rebaixas, entrelaza xugo e cabezalla servindo a chavella de tope para que non se solte. Este tipo recibe comunmente a denominación de *corre*.



Temoeiro de Caritel: pechado.

Do mesmo xeito que para o xugo detectamos diferentes tipos de pau, tamén para os estrobos encontramos variedade de materiais:

Corre (de carballo, Mel2)

Lora ("de coiro", Mel2)


Loro ("abrazadeira de verga", XLF)

Sobeo ("de coiro", Hermi.)


Tamoeiro ("correia", XLF) ("de cuero", Mez1:129) ("de coiro", Hermi.)

Temoeiro ("de pel de vaca curtida e acromada", Cambe2:52) ("de pel de becerro", Nespe.) ("de coiro de vaca", Pentes2)

Timoeiro ("de piel, goma", na **cangalla**; "de madera", no **xuh'o**, sólo para labrar, Corna.[423]) ("de cuero", Portas) ("de coiro ou carballo", Simes).



Temoeiro de Caritel: aberto.



Temoeiro de Caritel: colocado.

[423] Corna. diferencia o xugo de cangallas, *cangalla*, do xugo de cancís*, xuh'o*, que usan *sólo para labrar*.

9.4.2.13.1. Nota sobre as denominacións do estrobo, as piogas e as cornais

Con moita frecuencia as fontes lexicográficas consultadas que definen palabras galegas en castelán usan a palabra castelá *coyunda* para definir e parécenos entender que o fan con certa confusión. No xugo castelán a *coyunda* é unha correa forte e ancha con que se xunguen os bois mentres que o que une a cabezalla do carro ou arado ó xugo chámase, tamén en castelán, *sobeo* ou *barzón.* Engadamos que, como en Castela o xugo é cornal, a *coyunda* ata o animal ó xugo polos cornos.

Tamén en Galicia hai, como xa dixemos, dúas ataduras: unha, a que une a cabezalla do carro ou do arado co xugo (*estrobo, loro* ou *timoeiro*) e, outra, a que une o bovino ó xugo, ben atándoo polo cornos (*cornal, corneira*) ben pasándolle por baixo do pescozo encerrado entre as cangas (*piallas*). Precisemos aínda máis. En Galicia o animal átase ó xugo de dúas maneiras diferentes: se o xugo é de canga, pasándolle por baixo do pescozo unha correa que recibe os nomes de *piogas, piallas, apeares, brochas* etc.; e, se o xugo é de cancís, o que pasa por baixo do pescozo é un pau revirado en forma de U e que se coñece como *cancil, chancil, torga* etc.; pero, se o xugo é cornal, átase polos cornos cunhas correas que se chaman *cornais, corneiras, sogas* etc.

Volvendo ó principio, como se ve, as nosas fontes fan corresponde-la *coyunda* castelá a tres cousas distintas en Galicia, aínda que a segunda non é de coiro e, polo tanto, cando algunha das nosas fontes define unha palabra como *coyunda,* temos algunha dificultade para interpretar de qué está falando (así cando Noia4 define *piogha* como "coyunda"). Un caso paradigmático é a voz *apeadoiras* que CP lematiza en plural e que define como "correas del yugo" que, dito así, poden ser tres, as que atan o xugo á cabezalla, as que pasan por baixo do pescozo do gando ou as que lle atan os cornos ó xugo.

Tendo en conta que a Real Academia Española dá como etimoloxía do *sobeo* o latín *sub-iugium* "baixo o xugo", parece entenderse que a iso se refiren os informantes que nos transmiten palabras galegas como *soxugueiro* e variantes fonéticas como *sabexugueiro, sabesugueiro, xebixugueiro* (naturalmente tamén *sobeo, subeu, sobexo, sobeyo, sobeso*). Pero tamén temos voces coma *sobrexugo, sobrexugueira, sobrexugueiro, xabrexugo* e *xabresugo* que fan pensar no *super-iugum.* É dicir, é unha peza que pasa por baixo do xugo pero tamén por riba del. E por veces os propios informantes ofrecen un debuxo que amosa claramente que non se trata dunhas correas que aten o animal ó xugo senón dunhas correas que atan o xugo á cabezalla do carro. De todo o dito dedúcese que nos están falando do estrobo, que en castelán xa non é *coyunda* senón *sobeo.*

Pero hai fontes que chegan a definir así: "coyunda o sobeo para uncir". Moi probablemente unhas denominacións contaminaron as outras.

10585 **amoeiro** *s.m.* Ver TAMOEIRO /10635. *Para tirar do carro (ou do arado) ponse o gando ó xugo e logo este únese á cabezalla (ou timón) por medio dunha correa -amoeiro-, dunha abrazadeira de verga -loro-, ou dun aro de madeira -alcorxo-* (XRMF1:41-42).

10586 **apeadoira 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. MGG recólleo de Crespo Pozo, que o localiza en Castro Caldelas. (MGG).

10587 **apeadoiro** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (MGG(C8), XLF5(6)).

10588 **apedoiro** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (Barbos, MGG(C1, C3, C5, C6), Moeche, XLF5(1, 2, 5)).

10589 **apoadoiro 1** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (MGG(C6), Régoa, XLF5(11)).

10590 **apodoiro 1** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (XLF5(3)).

10591 **boxeo** *s.m.* Ver ESTROBO 1 /10607. Rivas Quintas di que en lugares próximos chámanlle *sobeo*. (Casaio).

10592 **cadea 3** *s.f.* Ver ESTROBO 1 /10607. Rivas Quintas insiste en que así se chama en Sonán a atadura, aínda sendo como é de coiro. (Insua1).

10593 **cape** *s.m.* A parte máis grosa da corre que sobresae por riba do xugo. (Sob.).

10594 **capio** *s.m.* Nó que cerra o timoeiro. (LamasC).

10595 **caxato** *s.m.* Caravilla que se lle pon ó tamoeiro para que non se desate. *O tamoeiro é unha banda grosa de coiro especial de boi; no remate leva un caxato que o traba*. (Friei.).

10596 **colar 3** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (MGG(P30a)).

10597 **corra** *s.f.* Ver CORRE 1 /10598. (MGG(Curtis, 188;Guitiriz, 91)).

10598 **corre 1** *s.f.* Vara retorta de madeira de carballo para ata-lo xugo á cabezalla. *A 'corre' é feita de verga de pé de caxigo ou de carballo novo enqueilada, escascada, retorta e adoumada ou adaptada ao xugo e ao cabezallo ou timoeiro* (Parade.:65). (CP, ERG, FMS, Mel1, Mel2, MGG(C28, C32, C36b, L26), Parade., XLF5(161)).

10599 **correa 2** *s.f.* Ver CORRE 1 /10598. (MGG(C4, C7, L2)).

10600 **dobla** *s.f.* Ver DOBRA 1 /10601. (Ced., Foz3, MGG(C29, L2, L4, L5, L6, L8, L9, L13, L16, L19, L21a, A4, A5, A6), Meira4, Mondo3, Queizán, Suarna, Toba, Vala., XLF5(4, 7, 9, 30, 33, 34, 35, 43, 45)).

10601 **dobra 1** *s.f.* Ver ESTROBO 1 /10607. (Burón, Cam1, Cam2, Cam6, Devesa2, Dum., ERG, Foz3, MGG(C21, C23, C24, A4), MLP, Parada., Piquín, Suarna, VLLM, XLF5(8, 33, 36, 37, 41, 42, 43, 44, 46, 55, 56, 58)).

10602 **dopla** *s.f.* Ver DOBRA 1 /10601. (Luarca, MGG(A3), Vigo-O).

10603 **dopra** *s.f.* Ver DOBRA 1 /10601. (Bable, MGG(A1, A2, A3, A4), Mohías, Vill-O2).

10604 **doupra** *s.f.* Ver DOBRA 1 /10601. (Vpedre).

10605 **dubra** *s.f.* Ver DOBRA 1 /10601. (ERG).

10606 **enqueirada** *s.f.* Ver CORRE 1 /10598. Téñase en conta que *enqueirar* é pasar unha cousa polo lume, o que indica que é vexetal. (MGG(C9)).

10607 **estrobo 1** *s.m.* Vencello feito cunha vara verde retorta ou de correa de coiro para ata-lo xugo á cabezalla. FMS (*Catálogo de voces...*) escribe nun momento *estrobo* (282) e noutro *estróbo* (304 e 364). (Bable, CP, ERG, FMS, Gui., LamasC, Marín, MGG(C33, C37, C38, C48, L14, L22, L25), Parga, Santa., XLF5(16, 28, 31, 50, 52, 115)).

10608 **estrogo** *s.m.* Ver ESTROBO 1 /10607. (Fri., Gun).

10609 **lora** *s.f.* Ver LORO 1 /10611. En Mel2 dise que é de coiro. En Cam1 dise que pode ser de coiro, corda, castiñeiro ou carballo. (ANV1, Arcos, Cam1, Cre., CVer2, Este., Goiriz, Meira4, Mel1, Mel2, MGG(C32, C36, L11, L12, L15, L18, L21, L25, L28, L30, P8), Per., Ramil, Ulloa, VS3, XLF5(17, 29, 31, 32, 33, 52, 53, 64, 68, 74, 75, 77)).

10610 **loreta** *s.f.* Loro simple. (San.).

10611 **loro 1** *s.m.* Correa de coiro que suxeita o xugo ó carro ou ó arado. Esta voz conserva exactamente o latino *lorum* que significaba "correa, tira de coiro" e de onde derivaba a *lorica* que era unha coiraza auténtica, é dicir, "de coiro", xa que a de bronce denominábase *thorax*. En Arcos, o noso informante explica que se chama así á lora cando vai acabalgada por riba do xugo e fóra do sitio para que amarre mellor o arado. (Común: MGG(C2, C10, C11, C12, C13, C14, C15, C17, C18, C19, C20, C25, C26, C27, C30, C3 1, C35, C39, C40, C42, L17, L20, L23, L24, L28, L29, L30, L31, L32, L33, L34, L36 , O3, P1, P2, P5, P7, P8, P10, P11, P14, A7, LE1, LE2). XLF5(10, 12, 15, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 27, 38, 39, 47, 48, 49, 50, 60, 61, 62, 63, 66, 71, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 89, 91, 92, 96, 97, 106, 109, 116, 117, 118, 119, 120, 121).

10612 **pioga 3** *s.f.* Correa de coiro coa que se une a cabezalla do carro ou do arado ó xugo. (ERG).

10613 **piogón 2** *s.m.* Correa forte con que se suxeita a cabezalla do carro ou do arado ó xugo. (Miño).

10614 **prego** *s.m.* Caravilla que se lle pon ó loro para que non se desate. *Para que non se solte* [o loro ou subiao], *ó final méteselle un pao ou ferro denominado 'prego'*. (Ancares:340).

10615 **sabesugueiro** *s.m.* Ver SOBREXUGO 2 /10623. (MGG).

10616 **sabexugueiro 1** *s.m.* Ver SOBREXUGO 2 /10623. MVN escrive *sabejugueiro*. (ERGa, MGG(L1, L3, L7, L10, L11), MVN).

10617 **sobelón** *s.m.* Especie de pasador de madeira que se introduce nunha punta do sobeo. (Hermi.).

10618 **sobeo** *s.m.* Ver ESTROBO 1 /10607. Rivas Quintas di que en zonas próximas chámanlle *boxeo*. (AG-AO, Ancares2, CP, Hermi., MGG(O3, O9, LE4, LE5, Z2, Z3), Piquín, Puma., VLLM, XLF5(145)).

10619 **sobeso** *s.m.* Ver SOBEO /10618. (Busto).

10620 **sobeu** *s.m.* Ver SOBEO /10618. *¡Malia do sobeu no que non turra o boi vello!* (VLLM). Llópiz explica que "*sobeo* e *sobeu* é o mesmo que *cibela* e *xango*, o que une o boi ó xugo". Clasificamos esta voz aquí, porque nos parece evidente que é sinónima de loro, estrobo ou timoeiro (correa que une o xugo ó carro) a pesar de que Llópiz a identifica coa cibela e o xango, é dicir, coas piallas, apeares ou piogas (que unen o animal ó xugo por baixo do pescozo). Parécenos que a explicación que el dá non é correcta. (VLLM).

10621 **sobexo** *s.m.* Ver SOBEO /10618. (Busto).

10622 **sobeyo** *s.m.* Ver SOBEO /10618. (VGR).

10623 **sobrexugo 2** *s.m.* Correa de coiro que suxeita o temón do arado ou a cabezalla do carro ó xugo. (CP, ERG, MGG(L9), MLP, Ped1).

10624 **sobrexugueira** *s.f.* Ver SOBREXUGO 2 /10623. (CP, MLP).

10625 **sobrexugueiro** *s.m.* Ver SOBREXUGO 2 /10623. (MGG(Carré), XLF5).

10626 **soga 3** *s.f.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. En Sarria especifican que é de pel de cabra. (MGG(C45, C49), Sarria2, XLF5(88, 112)).

10628 **soxugueiro** *s.m.* Ver SOBREXUGO 2 /10623. Galdo define como "Coyunda o sobeo para uncir". (Galdo, MGG).

10629 **subeu** *s.m.* Ver SOBEO /10618. (VLLM).

10630 **subiao** *s.m.* Ver SOBEO /10618. *A xugada de bois ou a parella de vacas ... vai 'xuncida' ou 'enlurieda' ó xugo, [...] e este á 'pértiga' do carro por unha 'cravilla', arredor da que se ata o 'loro' ou 'subiao', consistente nunha soga de coiro* (Ancares:340). (Ancares, Ancares2).

10631 **subieu** *s.m.* Ver SOBEO /10618. (Ancares2).

10632 **tamboeiro** *s.m.* Corda forte que fai as funcións do estrobo. (Malvas, Rebo).

10633 **tambueiro** *s.m.* Ver TAMBOEIRO /10632. (MGG(P22, P24)).

10634 **tamoeira** *s.f.* Ver TAMOEIRO /10635. (LP).

10635 **tamoeiro** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (Alla4, Escul., Goián, Gud., Gud5, Hermi., Mez., Mez1, Mez3, Ver1, Vil., XLF, XLF5(176, 182, 183, 184, 185, 193, 195, 203), Xun.).

10636 **tamueiro** *s.m.* Ver TAMOEIRO /10635. (XLF5(54)).

10637 **temoeiro** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (Común: Callo., Cambe2, Cañiza2, Cenlle, ERG, Gro1, Lemos2, Maía2, Merca, MGG (C41, C45, C46, C47, C48, L34, L35, L37, L38, L39, O1, O2, O4, O5, O6, O7, O8, O10, O11, O12, O13, O14, O15, O16, O17, O18, O19, O20, O21, O22, O23, O24, O25, O26, O27, O28, O29, O30, O31, P3,

P4, P6, P9, P10, P12, P13, P14, P15, P16, P17, P18, P19, P20, P21, P22, P23, P25, P26, P28, P29, P30, P31, P32, P33), Mra., Nespe., Noalla3, Pazó, Pazos, Pentes2, Sandiás2, Veiga, XER, XLF5 (111, 128, 130, 132, 133, 137, 141, 142, 155, 164, 168, 171, 174, 186, 189, 197, 201).

10638 **temueiro** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (Sandiás, XLF5(199)).

10639 **timoeira** *s.f.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (XLF5(149)).

10640 **timoeiro 1** *s.m.* Estrobo de coiro. (Arbo2, Baiona2, Beluso1, Cal., Callo., Cañiza2, Castre., Cenlle, Corna., CovasC, ERQ, FMS, Gro5, Illa2, Incio, JMP, Maía2, Malvas, MeiraM, MGG(C41, C45, C47, C48, L34, L39, O1, O4, O26, P12, P15, P18, P22, P25, P31, Z1), Noalla3, Nogue., Pantón, Portas, Simes, Trasal., VilarM, XER, XLF5(100, 101, 102, 104, 110, 113, 114, 122, 123, 125, 126, 131, 134, 138, 147, 150, 156, 158, 160)).

10641 **timueiro** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (Cang5, Grixó, Marín, XLF5(104, 136, 159)).

10642 **tomoeiro** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. *Por alí había tamén rocas, espadelas, espadeleiros, cestas de vergas, cestos de varas, tomoeiros e vetillos* (GB2:138). (GB2, XLF5(89, 152, 166, 167, 169, 188, 196)).

10643 **tumeiro** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (Cod., MGG).

10644 **tumoeiro** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (Cerei., Ram., XLF5(129)).

10645 **tumueiro** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (Fol-C2, XLF5(98, 115, 124, 165)).

10646 **vara 5** *s.f.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (MGG(C9, C20)).

10647 **vincallo** *s.m.* Timoeiro. Segundo Xaquín Lorenzo, chámano así se é de coiro; se é de verga retorta, chámano *loro*. (MGG(C26a), XLF5(39)).

10648 **xabresugo** *s.m.* Ver SOBREXUGO 2 /10623. (LT2).

10649 **xabrexugo** *s.m.* Ver SOBREXUGO 2 /10623. Aparece na expresión *Poñerlle a alguén o xabrexugo*. (ZM).

10650 **xebixugueiro** *s.m.* A nosa fonte escribe *xevixugueiro*. Ver SOBREXUGO 2 /10623. (Goiriz).

10652 **xuxeiro 1** *s.m.* Ver TIMOEIRO 1 /10640. (MGG(A6)).

10653 **soga de apor** *s.comp.f.* Ver SOGA 3 /10626. (MGG(L33)).

Arrenego do sobeo no que non puxa o boi vello. (VLLM:1,143)
¡Malia do sobeu no que non turra o boi vello! (VLLM:1,143) [424]
Boi vello faise ao meu subeu e ao teu. (VLLM:1,136) [425]
Cando loras quebran bois descansan. (RCI:117)
Mentras corres creban, bois descansan. (VS)
Mentras corres creban, os bois descansan. (VS)
Mentras dobras creban, bois non aran. (VLLM:1,144; ZM:135) [426]
Mentras dobras quebran, bois non aran. (VS)
Mentras loras quebran, bois descansan. (ANV1:98; XLF3:62; VS) [427]
Mentras sogas quebran, bois folgan. (VS)
Namentras dobras quebran, bois non aran. (XLF3:62)

Ten vergonza, ten vergonza,
cara de leite tallado,
inda che hei mazar o lombo
co temoeiro do carro. [428]

[424] Llópiz: *Malia! do sobeu...*; explica que *sobeo* e *sobeu* é o mesmo que *cibela* e *xango*, o que une o boi ó xugo; engade que os bois vellos, por estaren afeitos, axéitanse ben a calquera clase de sobeu, se non é defectuoso ou de mala calidade.

[425] Llópiz non explica a notable palabra *subeu* pero di o seguinte: *El buey, muy acostumbrado cuando viejo al cambio de coyundas, ya no padece lo que de joven, cuando por la clase de trabajo o nueva comarca donde le llevan ha de sujetarse a otros sistemas de yugo*. Pero o propio Llópiz cita un refrán contrario: *Bois vellos con canga nova, envelga torta*.

[426] VLLM: *crebas*; ZM: *quebran* e escríbeo entre admiracións. Llópiz, que o recolle de Leiras Pulpeiro (*B.R.A.G.* VI), explica *por el duelo de la familia*.

[427] A *lora*, loro ou estrobo é un vencello, xeralmente de coiro ou verga, que suxeita o xugo á cabezalla do carro ou do arado. Por iso, cabe unha explicación non metafórica, coma a que dá Llópiz: se a lora quebra, os bois poden descansar. Xaquín Lorenzo explícao así: *Muchas veces el hombre no tiene en cuenta el esfuerzo de los animales y no respeta su fatiga; entonces interviene el azar y les proporciona el necesario alivio*.

[428] Coto2:99.

Tamén mama bo teto [429]

Esto pasou no campo da feira de Cospeito, que é algo costaneiro, e foi que foi unha vella cun xato para vender. Dunha vez que a vella se agachou para coller a corda, pasou un tratante e, como non levaba bragas, viulle a regaña, e díxolle:

-*¡Ten bo loro, señora*!

E díxolle a vella, pensando que lle alababa o xato:

-*¡Teño, señor, teño, pero tamén lle mamou bo teto!*

Antón Fraguas [430] recolle outra versión deste mesmo conto na que o que louba o espectador é o bo *teixo* que mostra a moza:

A feira. Unha vaca fusca, teixa, e un becerro con butillo xaramonea loitando por soltar o butillo e poder coller os tetos da nai que ten ubre abondoso.

O becerro, tamén teixo, mercouno un de posto. Ten conta da vaca e o teixiño unha moza casada, fermosa, que se sentou nun desnivel e cara a xente que pasaba. Non tiña braga e a corda foi deixando a saia tan subida que o sol chegaba á vaguina, visible pra quen pasase. Un veciño saúda e di:

- *Tes un bo teixo.*

Resposta moi aguda.

- *Tamén mama moi bo teto.*

9.4.2.13.2. A persoa que fai ou vende estrobos

10654 **corragueiro** *s.m.* Ver CORREEIRO /10655. (ERG).
10655 **correeiro** *s.m.* Persoa que fai e vende corres, loros etc. (ERG).

9.4.2.14. O arcoxo

Nalgúns puntos de Galicia oriental a cabezalla do carro ou o timón do arado non se suxeita directamente ó xugo senón que existe un aro de madeira, coiro ou ferro que pende do xugo, e no que se introduce aquela.

10656 **alcorso 1** *s.m.* Ver ARCOXO 1 /10660. (XLF5(84)).
10657 **alcorxo 1** *s.m.* Ver ARCOXO 1 /10660. (XLF, XRMF1).
10658 **alcoso** *s.m.* Ver ARCOXO 1 /10660. (XLF5(87)).
10659 **arcoso 1** *s.m.* Ver ARCOXO 1 /10660. (XLF5(86, 87)).
10660 **arcoxo 1** *s.m.* Anel de madeira, coiro ou ferro que se ata ó xugo por baixo co mediao e no que se mete a cabezalla ou o timón do arado. (Ancares, Queizán, XLF5(35, 56, 57, 76, 77, 87), XRMF4).
10661 **arcoxu** *s.m.* Ver ARCOXO 1 /10660. Pode estar feito cun anel de ferro ou de varas retortas. (Ibias1, Narcea).
10662 **arcuseiro** *s.m.* Argola de coiro groso con que se engancha a cabezalla ó xugo, amarrándoa despois co loro (Folgoso do Courel). (ERQ3).
10663 **dobra 2** *s.f.* Ver ARCOXO 1 /10660. (ERG).
10664 **estrovenga** *s.f.* Ver ARCOXO 1 /10660. (XLF5(2)).
10665 **loro 2** *s.m.* Ver ARCOXO 1 /10660. (XLF5(68, 74)).
10666 **mediao 2** *s.m.* Conxunto formado polo arcoxo e a correa coa que este se suxeita ó xugo. *O 'timón' do arado non vai suxeito directamente ó xugo, senón á 'pezoeira' ou 'arcoxo' (Balouta), anela de madeira, coiro ou ferro, que terma del por debaixo. Todo o conxunto é o 'mediaun' ou 'mediao' (no val de Rao 'mediado' e 'mediao')*. (Ancares:340).
10667 **mediaun** *s.m.* Ver MEDIAO 2 /10666. (Ancares).
10668 **pezoeira 3** *s.f.* Anel de coiro ou madeira no que se introduce a cabezalla. Vai pendurando do xugo e únese a este polo mediao. *O 'timón' do arado non vai suxeito directamente ó xugo, senón á 'pezoeira' ou 'arcoxo' (Balouta), anela de madeira, coiro ou ferro, que terma del por debaixo* (Ancares:340). "El sobeo o loro ata, sujeta, la lanza del carro o el timón del arado a una anilla de cuero o de madera (rara vez de hierro), pasando por ella. Se llama en Ancares *pezoeira*, pezonera" (Ancares2:223).

---

[429] XCARXM2: 47. Recollido en Torre e Insua, Vilalba. Copiamos textualmente a explicación do malentendido que dá o colector: *O loro (lora, estrobo, dobra, temoeiro) é unha peza, xeralmente feita de xota de carballo, que se pon no medio do xugo e serve para suxeitar coa chavella o temón ou cabezalla do carro ou do arado. Loro, con o pechado, chámaselle tamén ás persoas e animais que aguantan mellor as cargas dos traballos. Entendamos, pois, neste conto, que o 'loro', na intención do home, representa a cona da muller, aínda que ela pense que llo din porque o seu xato xa está en condicións de soportar traballos duros. O home, en cambio, está pensando na chavella que atravesa o loro como símbolo do acto sexual.*

[430] Comunicación persoal.

Debe terse presente que tamén nos Ancares temos recollida esta mesma voz como a parte anterior da cabezalla: "La parte anterior de la lanza, desde la separación de las piernas de la pértiga, es *a pezoeira*" (Ancares2:231). (Ancares, Ancares2).

10669 **sobrexugo 1** *s.m.* Ver ARCOXO 1 /10660. "Para el arado hace falta, además del *loro*, *sobrexugho*" (ERQ3). (ERG, ERQ3, XLF5(56, 74, 84, 86, 87)).

10670 **solta 3** *s.f.* Ver ARCOXO 1 /10660. (XLF5(8, 30)).

10671 **suxeiro** *s.m.* Ver ARCOXO 1 /10660. (XLF5(43)).

10672 **tiradeira** *s.f.* Argola grande no xugo á que se amarra a cabezalla do carro ou o timón do arado. (Bus-LE).

10673 **tirandela 1** *s.f.* Ver TIRADEIRA /10672. (Bus-LE).

10674 **trarga 1** *s.f.* Ver TRASGA /10675. (Cambe2, Porto).

10675 **trasga** *s.f.* Arandela de madeira ou ferro que pendura do centro do xugo para enganchar a este o timón do arado. (Alixo, Drago., Gud., Gud5, Incio, Mez., Mez1, Mez3, VGR, XER).

10676 **trasgueiro 2** *s.m.* Ver TRASGA /10675. (Alixo).

10677 **trasta** *s.f.* Ver TRASGA /10675. (XLF5(184)).

10678 **xuxeiro 2** *s.m.* Ver ARCOXO 1 /10660. (XLF5(44)).

9.4.2.14.1. A correa para suxeita-lo arcoxo

10679 **alcorxo 2** *s.m.* Correa para suxeita-lo arcoxo ó xugo. (XLF5(74)).

10680 **correa 4** *s.f.* Ver MEDIAO 1 /10684. (XLF5(43, 55)).

10681 **medianil** *s.m.* Ver MEDIAO 1 /10684. (Ibias2).

10682 **mediano** *s.m.* Correa forte, de 2-3 m, que serve para ata-la trasga ó xugo. (VGR).

10683 **medianu** *s.m.* Ver MEDIAO 1 /10684. (Ibias1).

10684 **mediao 1** *s.m.* Correa coa que se ata o arcoxo ó xugo. *O xugo, asegún o seu tipo, 'xúnguese' ó gado e, logo, a xugada 'aponse' ó carro, ó arado, á grade, etc., por meio dunha correa, 'tamoeiro', dunha abrazadeira de verga, 'loro', ou dun aro de madeira, 'alcorxo', atado ó xugo cun 'mediao' ou correa* (XLF:733). "Tal *pezoeira* ("barzón"), en Ancares (como en León, Galicia, etc...) no suele ir fijo al yugo, sino atado por medio de una correa de cuero u otros materiales trenzados, que se llama el *mediaun* o *mediao'l timón* ('mediano')" (Ancares2:223). (Ancares2, XLF).

10685 **tiradeiro** *s.m.* Correa para suxeita-lo arcoxo ó xugo. (XLF5(146)).

10686 **trasgueiro 1** *s.m.* Correa de coiro para ata-la trasga ó xugo. (Gud., Hermi., Mez., Mez1).

10687 **xuxeiro 3** *s.m.* Correa para suxeita-lo arcoxo ó xugo. (XLF5(85)).

10688 **correa do loro** *s.comp.f.* Correa para suxeita-lo arcoxo ó xugo. (XLF5(68)).

10689 **correa do xuxeiro** *s.comp.f.* Ver XUXEIRO 3 /10687. (XLF5(44)).

9.4.2.15. As cangallas

Son o conxunto dos paus dereitos e diverxentes do xugo, dous por vaca, entre os que introducen estas o pescozo. Pero temos comprobado que en máis dun lugar (e polo tanto nalgún dicionario) dáselle o nome de *cancís* ó que maioritariamente se coñece como *cangallas* e viceversa. E así, Eladio Rodríguez, Pintos, Porto Rey, Carré e a RAG denominan *cancil* a peza curva en forma de U e Valladares e Eladio Rodríguez utilizan *canga* e *cangalla* para designar esas pezas rectas e diverxentes; mentres que Cuveiro, Filgueira denominan *cancil* á peza recta (Manuel González tamén rexistra algún outro caso). Da mesma maneira, o GVGH define *canciles, chanciles* e *quenciles* e tamén *cangallas, cangas, cancallas* e *cancellas* como "palos combados del yugo entre los cuales se introduce el pescuezo de la vaca". E en Goián, zona do xugo B, chámaselle indistintamente á mesma peza *cancil* ou *cangalla.*

Polo tanto a única maneira de saber cal é o significado da palabra en cada lugar é consulta-las localizacións que se ofrecen para cada voz.Véxase o que diremos dos *cancís* na epígrafe 9.4.2.16.

10690 **brigueiro 2** *s.m.* Cada unha das catro barretas dentadas con que se suxeita o xugo ó pescozo dos bois por medio do pear. (ERG, MVN).

10691 **cabeza 3** *s.f.* Cada unha das cangallas do xugo. (Ced., Vala., Ver1, Vil.).

10692 **cabirta 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das cangallas do xugo. (Doade).

10693 **cadea 4** *s.f.* A nosa fonte defíneo como "cada una de las *cangalleiras* del carro del país". (ERG).

10694 **cancalla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (Com1, Gro5, Laxe, Maía2, XRMF4).

10695 **cancela** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (XLF5(21)).

10696 **cancella** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (Laxe, MGG(C13), SComba).

10697 **cancellón** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (XLF5(47)).

10698 **cancil 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das cangallas do xugo. As nosas fontes recollen principalmente a forma de plural *cancís* aínda que tamén aparece *canciles*. Rexistran

a forma *canciles* Castre., Parade. e XRMF4. O resto das nosas fontes rexistra *cancís*. Mariño Ferro dá *canciles* e *chanciles* como sinónimo de *cangallas*: "dous pares de varas verticais diverxentes" (XRMF4:248). (Castre., Ced., Com1, Cre., Dum., ERG, FMS, Fri., Goián, Gro1, Gui., Gun., Lea, MGG (C1, C24, C29, C34, C39, C46, C47, C49, L1, L2, L3, L5, L6, L7, L9, L10, L11, L12, L14, L15, L16, L17, L18, L20, L21, L22, L24, L26, L28, L31), Mon., Parade., Ram, Toba, Vala., XRMF4).

10699 **cancilleira 1** *s.f.* Ver CANGALLA 1 /10701. (MGG(L8)).

10700 **canga 5** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (Cal., Ced., Goián, Incio, MGG(L4), Pantón, Ram., Vala.).

10701 **cangalla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada un dos paus dereitos do xugo, dous por vaca, entre os que introducen estas o pescozo. (Buxán, Caa., Cab., Cod., Com1, Cur., ERG, Feás-A, Grixó, Maía2, Mel2, MGG(C2, C3, C4, C5, C6, C7, C8, C9, C11, C12, C13, C14, C15, C18, C19, C20, C23, C25, C26, C28, C30, C31, C32, C33, C35, C36, C37, C38, C40, C41, C42, C43, C45, C48, L1, O2, O23, P2, P3, P4, P5, P6, P9, P10, P12, P13, P14, P16), Nove., San., Sob.,XLF5(1, 2, 3, 5, 6, 10, 11, 12, 15, 18, 22, 23, 24, 25, 27, 38, 39, 49, 54, 61, 62, 63, 64, 65, 71, 78, 79, 91, 92, 101, 102, 104, 106, 114, 116, 117), XRMF4).

10702 **cangalleira 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (ERG, MGG(C10)).

10703 **cansil 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CANCIL 2 /10698. A nosa fonte recolle a forma de plural *cansiles*. (Maía2, XLF5(89, 100)).

10704 **cousella** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (XLF5(20, 59)).

10705 **chancel** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CANCIL 2 /10698. A nosa fonte recolle do plural a forma *chanceles*. (MGG(O6)).

10706 **chancil 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CANCIL 2 /10698. As nosas fontes recollen a forma de plural *chanciles*. (MGG(L13, L21, L25), Ped1, Per., Piquín, XLF, XRMF4).

10707 **fecha** *s.f.* Cada unha das cangallas do xugo. (Aldo.).

10708 **lanza 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada un dos paus rectos que atravesan a canga. O noso informante recolle este nome só para os xugos dun só animal. (Castre.).

10709 **parante** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos paus rectos que atravesan a cangalla do xugo. (Castre.).

10710 **pealla 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (ERG, MGG(L36, P1, P7, P8, P11)).

10711 **pialla 2** *s.f.* Ver CANGALLA 1 /10701. A nosa fonte defíneo como "palo largo situado en el extremo del yugo". (Oirós).

10712 **piolla 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (XLF5(127)).

10713 **quencil** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CANCIL 2 /10698. (Gui.).

10714 **rella** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (MGG(O10)).

10715 ***cancilla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (Cam1, Cam2, MGG(C21), XRMF4).

10716 ***cansilla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. (XLF5(46)).

10717 **pau da cangalla** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver CANGALLA 1 /10701. As nosas fontes recollen a forma de plural *paus da cangalla*. (Corna., Nogue.).

9.4.2.15.1. As entallas

As cangallas quedan, como xa vimos, abertas por baixo. Para suxeita-lo xugo ó pescozo dos animais colócase unha correa, a pioga, pechando por baixo do pescozo, e para amarrar esta correa hai nos extremos inferiores das cangallas unhas entallas nas que se engancha. En cada cangalla hai dúas entallas, de forma que a pioga se ata ás superiores ou ás inferiores, segundo se queira apertar máis ou menos ó xugo axustando mellor o espazo ó tamaño do pescozo do animal xungido.

10718 **amosega** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MOSEGA /10749. (MGG, XLF5(M)).

10719 **amoxega** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MOSEGA /10749. (MGG(C48)).

10720 **amurgalleira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MORGALLA 1 /10744. (MGG(C10)).

10721 **apeaceira 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nos cancís para suxeita-las piallas. (MGG, XLF, XLF5(52)).

10722 **botoalla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. MGG faino vir de *botón* e explícao como "os lugares onde se abotoan as piogas". Co nome de *botoalla* (e vars. *abotoalla*, *batoalla*, *betoalla* e *botoallo*) desígnase comunmente a cabezalla do carro. (MGG(C14)).

10723 **cácere** *s.m.* Ver *CÁRCEL 1 /10765. ERG, MGG e XLF5 dan esta forma en plural. (ERG, ERQ, MGG, XLF5(M)).

10724 **calamosa** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CALIMOSA 1 /10725. (Foz3).

10725 **calimosa 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas que se fan nas cangallas do xugo para encaixa-los apeares. (LCA1, MGG(L5, L11), Muras1, Santa.).

10726 **camona** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas. (Devesa2).

10727 **cancilleira 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas. (Ulloa).

10728 **carce** *s.* Ver *CÁRCEL 1 /10765. (MGG(Lage)).

10729 **casiñas** *s.f. pl.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. (MGG(C29)).
10730 **castelo 3** *s.m.* Entalla das cangallas onde se aseguran os apeares. Ver comentario a CASTELO1 /10490 co significado de *castelares*. (Piquín).
10731 **cazre** *s.m.* Ver *CÁRCEL 1 /10765. (Xun2).
10732 **cicatriz 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas. (Devesa2).
10733 **corte 4** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas. (Cam6).
10734 **deixa** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas. (Meira4).
10735 **dentalla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver DENTE 2 /10736. (XLF5(64)).
10736 **dente 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. (MGG(L14, P9), Ordes2).
10737 **encaixe** *s.m.* Entalla nos extremos inferiores das cangallas. (MGG).
10738 **enganche** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver GANCHO /10742. (MGG(C19)).
10739 **entalla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das rebaixas que teñen as cangallas para enganchar nelas as correas que pasan por baixo do pescozo do animal. (Callo., Fol-C2, Maía2, Mel1, MGG(C11, C3, C15, C31, C35, C40, L17, P1, P3, P4, P5, P6, P7, P14, P15), Moeche, Parga, Ulloa, XLF5(54)).
10740 **estalla** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ENTALLA 1 /10739. (MGG(C6, L7), Muras1).
10741 **fura 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. (Fol-C2, MGG(C18)).
10742 **gancho** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. (MGG(C46, O6)).
10743 **malla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. (MGG(C20)).
10744 **morgalla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. (MGG(C2, C3, C8, C23), Régoa, XLF5(11)).
10745 **morgalleira** *s.f.* Ver MORGALLA 1 /10744. (MGG(C9)).
10746 **mornalla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MORGALLA 1 /10744. (MGG(L31)).
10747 **mosa 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MOSCA 1 /10748. (ERQ3, MGG).
10748 **mosca 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. (Arabe., Dum., Maía2, MGG(C27, C33, C37, C38b, C43)).
10749 **mosega** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. (MGG(C41)).
10750 **mosqueira 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MOSCA 1 /10748. (MGG(C29a), Toba).
10751 **moxega 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MOSEGA /10749. (MGG(P10)).
10753 **murgalla** *s.f.* Ver MORGALLA 1 /10744. (Cab.).
10754 **ozca** *s.f.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. (MGG(L4, L8, L9a, L15, L16)).
10755 **pialleira** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas para engancha-las piallas. (Ulloa).
10756 **píbida** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. (MGG, XLF5(33)).
10757 **piogueira** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas para introduci-lo extremo das piogas. (GAL, LCA1, XER).
10758 **presilla** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nos extremos inferiores das cangallas. (MGG, XLF5(52)).
10759 **puga** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas. (CVer2).
10760 **punto** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas. (LamasC).
10761 **rebaixe 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas no extremo das cangallas. (Goiriz).
10762 **salto 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas no extremo inferior das cangallas. (MGG(C32)).
10763 **sisa** *s.f.* Cada unha das entallas no extremo inferior das cangallas. (MGG(L13)).
10764 **talla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver ENTALLA 1 /10739. (Barbos, MGG(L5), XLF5(31, 74)).
10765 ***cárcel 1** *s.f.* Cada unhas das rebaixas que teñen as cangallas onde se enganchan as piallas. (Cam1, MGG(C17, C21), Nande).
10766 ***casilla 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas das cangallas nas que se enganchan as piallas. (Com1, Maía2, MGG(C24), Toba).
10767 **burato da cangalla** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas. (Maía2, Portas).
10768 **cazo da pioga** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas. (Mens).
10769 **corte do chancil** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das entallas nas cangallas. A nosa fonte recolle a forma de plural *cortes dos chanciles*. (CovasC).
10770 **entalla da brocha** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver ENTALLA 1 /10739. (Nogue., Portas).

9.4.2.15.2. A pioga

Correa, normalmente de coiro ou corda, que une entre si, dous a dous, os extremos inferiores das cangallas por baixo do pescozo do animal e que o suxeita ó xugo.

Manuel González clasifica as denominacións desta peza en función da súa etimoloxía: derivados do lat. *pede*, *trabe*, *barbella*, *corrigia*, *fibella*; formacións sobre o lat. *latericiu*, *broccus*.

Véxase o dito en 9.4.2.13.1 na *Nota sobre as denominacións do estrobo, as piogas e as cornais* cando falamos do estrobo.

10771 **abrocha 1** *s.f.* Ver BROCHA 1 /10792. (GAL, Maía2, MGG).

10772 **apeaceira 1** *s.f.* Ver APEAR 1 /10777. (DRAG, MGG(Pereiramá)).

10773 **apeadeira** *s.f.* Ver APEAR 1 /10777. (XLF5(M)).

10774 **apeadoira 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver APEAR 1 /10777. (CP, ERG, LCA1, Maía2, MGG(L5, L11), Santa.).

10775 **apeaga** *s.f.* Ver PIOGA 1 /10816. (XLF5(31)).

10776 **apealla** *s.f.* Ver PIALLA 1 /10811. (MGG(C19)).

10777 **apear 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das correas de coiro que se amarran ás entallas das cangallas e que pasan por baixo do pescozo do gando. Numerosas fontes especifican o pl. *apeares* como forma máis frecuente có sing. (Barbos, Caa., Cab., Cre., ERG, Feás-A, Foz3, GAL, Meira4, MGG(C1, C2, C3, C4, C5a, C6, C6a, C7, C8, C9, C10, C14, C15a, C20, C20a, L1, L2, L3, L5, L9a, L13, L15, L18), Moeche, Piquín, Ramil, Régoa, Vala., XLF5(2, 3, 5, 6, 10, 11, 12, 15, 17, 29, 30, 31, 32, 33, 34), XRMF4).

10778 **apeara** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver APEAR 1 /10777. (DRAG, ERG).

10779 **apeare** *s.m.* Ver APEAR 1 /10777. (XLF5(M)).

10780 **apeaza** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver APEAR 1 /10777. (CVer2, Martín, MGG(L22), Per., XLF5(31, 33, 52, 53, 74)).

10781 **apeladoira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver APEAR 1 /10777. ERG dános *apeladoiras* como sinónimo de *apeadoiras*, á súa vez sinónimo de *apeares*, pero na entrada *apeladoiras* dálle outro significado. (ERG).

10782 **apeúngo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PIOGA 1 /10816. (Régoa).

10783 **apiadoira 1** *s.f.* Ver APEAR 1 /10777. (XLF5(88)).

10784 **apialla 1** *s.f.* Ver PIALLA 1 /10811. (Fri.).

10785 **apiar** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver APEAR 1 /10777. A nosa fonte recolle a foma de plural *apiares*. (ERG).

10786 **apiaza** *s.f.* Ver PIAZA /10815. (XLF5(50, 52)).

10787 **apioga 1** *s.f.* Ver PIOGA 1 /10816. (MGG(C48), SComba).

10788 **arco 2** *s.m.* Ver PIOGA 1 /10816. (Beluso1).

10789 **bapear** *s.m.* Ver APEAR 1 /10777. MGG explica o be inicial como a consonantización dun wau epentético antihiático. (MGG(L12)).

10790 **barbadela** *s.f.* Tira de coiro ou corda no xugo (canga), que pasa por baixo do pescozo do animal (Alongos de Cea). (ERQ3).

10791 **barbicacho** *s.f.* Ver PIALLA 1 /10811. (FPR1).

10792 **brocha 1** *s.f.* Cada unha das correas que pasan por debaixo do pescozo da vaca e que a suxeitan ó xugo de cangallas. As definicións que nos dan os nosos informantes en Codeseda poden dar lugar a confusión. Cod. (quitado do *Glosario de voces galegas de hoxe*) defíneo como: "cuero trenzado o cuerda que va de *cangalla* a *cangalla* en el yugo". Con esta definición podemos estar a falar tanto da *pialla*, que vai de cangalla a cangalla por baixo do pescozo da vaca, como da *retriza*, que tamén vai de cangalla a cangalla pero por riba do xugo, aínda que, polo que sabemos, esta última adoita ser unha cadea, arame ou corda, non de coiro. Rivas Quintas (*Frampas II*, s.v. *brochón*), para nós Cod2, aclara a dúbida cando define *brochón* como "cadena sobre el yugo, de cancalla a cancalla entre los palos interiores, para darle estabilidad" (é dicir, a nosa *retriza*) e engade que "en Codeseda, Po. es *brocha* cuero o cuerda de cangalla a cangalla en el yugo" (é dicir, a nosa *pialla*). (Barro, Callo., Castre., CLam3, Cod., Cod2, Corna., Fol-C2, Grixó, MGG(O2, P3, P4, P9, P10, P12, P15), Nogue., Portas, Simes, XLF5(54, 61, 101, 104, 113, 114, 115, 125, 126, 137)).

10793 **brocheiro 1** *s.m.* Ver BROCHA 1 /10792. (MGG(P6)).

10794 **cádega** *s.f.* Ver CÁDIGA /10795. (XLF5(28)).

10795 **cádiga** *s.f.* Cada unha das correas coas que se suxeitan as cangallas do xugo ó pescozo do boi. (CP, ERG, GAL, Goiriz, Gui., LamasC, Lea, MGG(L7, L11, L14, L17, L20, L21), Muras1, Parga, Santa., XLF5(16, 52), XPP, XRMF4).

10796 **cádigha** *s.f.* Ver CÁDIGA /10795. (Parga).

10797 **cadigueiro** *s.m.* Ver CÁDIGA /10795. (GAL, MGG).

10798 **caxiga** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CÁDIGA /10795. (ERQ).

10799 **cáxiga** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CÁDIGA /10795. (CP, ERG).

10800 **cibela 1** *s.f.* Cinta de coiro que pasa por debaixo do pescozo do boi e que o ata ó xugo. (Cur., ERG, Feás-A, MGG(C26, C28), Sob., VLLM, XLF5(64)).

10801 **correa 3** *s.f.* Ver PIOGA 1 /10816. (MGG(L36, P14, P16)).

10802 **entrabadoiro** *s.m.* Ver PIOGA 1 /10816. (MGG(L16)).

10803 **estivela** *s.f.* Ver PIOGA 1 /10816. (XLF5(39)).

10804 **ladrizo 1** *s.m. Ú. t. en pl.* Correa de coiro que se amarra ás cangallas e que se pasa por debaixo do pescozo das vacas. (Com1, ERG, Feás-A, GAL, Maía2, MGG(C11, C11a, C11b, C13, C15, C23, C23a, C31a, C35), Ordes2, San., XLF5(21, 23, 24, 25, 38, 49), XRMF4).

10805 **laduzo** *s.m.* Ver LADRIZO 1 /10804. (XLF5(M)).

10806 **lodrizo** *s.m.* Ver LADRIZO 1 /10804. (Celas).

10807 **pealla 1** *s.f.* Ver PIALLA 1 /10811. (GAL, MGG(C19, C32, C36, L20, L23, L24, L28, L31)).

10808 **pear** *s.m.* Ver APEAR 1 /10777. ERG cítao na definición do *brigueiro*: "cada una de las cuatro barretas dentadas con que se sujeta el yugo al pescuezo de los bueyes por medio del PEAR", pero non o recolle como entrada propia. MGG recólleo de Crespo Pozo. (ERG, MGG).

10809 **peaza** *s.f. Ú. t. en pl.* Ver APEAR 1 /10777. (Lea, Meira4, MGG(L21, L21a, L25)).
10810 **peoga** *s.f.* Ver PIOGA 1 /10816. (Com1, XLF5(48)).
10811 **pialla 1** *s.f.* Correa de coiro que se amarra á punta das cangallas do xugo e pasa por baixo do pescozo das vacas. (Gun., Mel1, Mel2, Mon., Mon2, Parade., San., Sob., Ulloa, XER, XLF, XLF5(64, 65, 66, 80, 81, 82, 96, 121), XLRG, XRMF4).
10812 **piallo** *s.m.* Ver PIALLA 1 /10811. (XLF5(81)).
10813 **piarda** *s.f.* Ver PIALLA 1 /10811. (Aldo., MVN, Piñei1).
10814 **piarza** *s.f.* Ver PIALLA 1 /10811. (MGG(L26)).
10815 **piaza** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver APEAR 1 /10777. (Gun.).
10816 **pioga 1** *s.f.* Correa de coiro que se amarra á punta das cangallas do xugo e pasa por baixo do pescozo das vacas. Eladio Rodríguez dá a *pioga* o valor da nosa *pialla* e mais o do noso *estrobo*, pero cunha definición que dá lugar a confusión: "Coyunda de cuero en la lanza del carro gallego para uncir los bueyes.// Correa en la que entra el extremo del timón del arado; *apeares*, *loro*". Ver PIOGA 3 /10612. (Arabe., Cam1, Cam2, Cam6, Com1, Dum., ERQ, GAL, Laxe, Mens, MGG(C12, C17, C18, C21, C24, C27, C29, C30, C31, C33, C34, C37, C38, C39), Nande, Negr3, Razo, Toba., XER, XLF5(18, 20, 21, 22, 38, 45, 46, 58, 60, 62, 78, 89), XRMF4).
10817 **piogha** *s.f.* Ver PIOGA 1 /10816. Xa se dixo arriba que Noia4 define esta voz como "coyunda" e que tal definición nos parece confusa e incompatible co significado que ten na inmediata Amaía, polo que decidimos situala aquí. (Maía2, Noia4).
10818 **pioguín 1** *s.m.* Ver PIOGA 1 /10816. (Cam2, Dum., Laxe).
10819 **piola** *s.f.* Ver PIALLA 1 /10811. (Gust., XLF5(130)).
10820 **piolla 2** *s.f.* Ver PIALLA 1 /10811. (MGG(C30a)).
10821 **pionga** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PIOGA 1 /10816. MGG recólleo de Crespo Pozo. (MGG).
10822 **pioxa** *s.f.* Ver PIOGA 1 /10816. (XLF5(19)).
10823 **retriza 2** *s.f.* Ver PIOGA 1 /10816. (MGG(C25)).
10824 **sabexugueiro 2** *s.m.* Ver PIOGA 1 /10816. (Xove).
10825 **soga 4** *s.f.* Peza de coiro ou corda que amarra os extremos inferiores das cangallas. (Castre.).
10826 **sosega 2** *s.f.* Corda que pasa por debaixo do pescozo da vaca e que a suxeita ás cangallas. (Ced.).
10827 **trabita** *s.f.* Corda que pasa por baixo o pescozo da vaca e une os extremos das cangallas. (Ced., Devesa2, Foz3, MGG(L1, L4, L6, L8), SCilla, XLF5(7, 8, 9), XRMF4).
10828 **tralla 2** *s.f.* Ver PIALLA 1 /10811. GAL dáo como sinónimo de *pealla* pero non o recolle como entrada. (GAL).
10829 **vara 6** *s.f.* Ver PIALLA 1 /10811. (Feás-A).
10830 **xango** *s.m.* Cada unha das piallas. Llópiz identifícao erroneamente co *sobeu* (ver en 9.4.2.13.1 a nota ó refran *¡Malia do sobeu...!*). Eladio Rodríguez defíneo como "correa que sirve para sujetar los *canciles* al pescuezo de la res. Esta correa une los extremos inferiores de los *canciles* y recibe diversos nombres: *apear*, *apeaza*, *apialla*, *pioga*, *cádiga*". (DRAG, ERG, GAL, VLLM).
10831 ***barbilla 2** *s.f.* Correa, ordinariamente de coiro, que suxeita o xugo ó boi por baixo do pescozo. Lémbrese que coa mesma voz, *barbilla*, se denomina a barbela ou papada das vacas en 48 puntos de Galicia, como mínimo. (Carbia, Com1, CovasC, ERG, Lousado, Maía2, MGG(C40, C43, P4, P8, P10, P11), Noalla3, Oirós, PradoL, XLF5(27, 63, 64, 71, 79, 80, 81, 91, 92, 109, 116, 117, 118, 138), XRMF4).
10832 ***barbillón 2** *s.m.* Ver *BARBILLA 2 /10831. (Nove., Oirós, XLF5(71)).

De coiro alleo, boas piallas. (UCA2:42; XLF2:30; ZM:74) [431]
De coiro alleo, correas longas. (XTC4) [432]
Do coiro alleo, boas piallas se fan. (ERG:coiro)
Do coiro che han de saír as correas, inda que ti o non creas. (ERG:coiro) [433]
Do coiro hanche de saír as correas. (ZM:85; UCA2:42) [434]

9.4.2.15.3. A retriza

Normalmente, o xugo de cangallas posúe un último elemento, a retriza, que é unha cadea ou correa que une entre si os extremos superiores das cangallas interiores. A súa misión é dobre: que nas costas abaixo, co carro empuxando na dirección da marcha, o xugo non cargue sobre a cabeza das vacas; e que nas costas arriba o xugo non lles caia no lombo. Cando empeza a costa abaixo, o que chama o gando para o carro e cambia o chavelluco, que ía por tras da retriza, e colócaa por diante dela. E cando empezaban as costas arriba, ó revés: simple e efectivo.

[431] Hai un refrán semellante: *Do coiro hanche saí-las correas*, no que se transfire o coiro da vaca ó coiro da propia persoa: se algo queres, halo suar.
[432] Literalmente XTC escribiu *carro* que nos parece unha errata evidente por *coiro* e así o modificamos.
[433] ERG: "*Do coiro, che han"; tí*.
[434] No texto: *sair* (ZM); *sail-as* (UCA2).

10833 **abeixadeira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver RETRIZA 1 /10865. (Maía2, MGG).
10834 **abrocha 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver BROCHÓN /10840. (Maía2, MGG).
10835 **apiadoira 2** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (MGG(C46)).
10836 **apioga 2** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (MGG(C48)).
10837 **apiogón** *s.m.* Ver PIOGÓN 1 /10858. (MGG).
10838 **brocha 2** *s.f.* Ver BROCHÓN /10840. (XLF5(102, 114)).
10839 **brocheiro 2** *s.m.* Ver BROCHÓN /10840. (XLF5(101)).
10840 **brochón** *s.m.* Cadea que une por riba as cangallas interiores do xugo, para darlle estabilidade. (Poio1, XLF5(104)).
10841 **cadea 1** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (CVer2, Goiriz, MGG(L25), Negr3, Ulloa, XLF5(28, 29, 31, 32, 33, 34, 50, 53, 60, 121)).
10842 **cancileira** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (MGG).
10843 **cancilleira 3** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (MGG).
10844 **cangalla 6** *s.f.* Correa, cadea ou arame que cruza o xugo dun extremo ó outro. (GAL, Maía2, MGG).
10845 **correa 5** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (XLF5(39)).
10846 **correón** *s.m.* Ver RETRIZA 1 /10865. (Maía2, MGG(C41)).
10847 **estribeira** *s.f.* Corda ou cadea que une pola parte superior os dous cancís interiores do xugo. (Córco.).
10848 **estrobo 2** *s.m.* Ver RETRIZA 1 /10865. (Portas).
10849 **ladriceira** *s.f.* Cadea que vai por riba do xugo unindo as cangallas. (XLF, XLF5(23)).
10850 **ladrizo 2** *s.m.* Ver LADRICEIRA /10849. (MGG(C18, C31)).
10851 **pantalla** *s.f.* Retriza do xugo. (Maía2).
10852 **pealla 2** *s.f.* Ver PIOGÓN 1 /10858. (MGG(C23), XLF5(10, 24)).
10853 **pértega 2** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (XLF5(22)).
10854 **pialla 3** *s.f.* Ver PIOGÓN 1 /10858. (Ordes2, XLF5(12, 24, 49, 83, 91)).
10855 **piallón** *s.m.* Correa de coiro que, por riba do xugo, traba entre eles os dous cancís interiores. (ERQ3).
10856 **pioga 2** *s.f.* Ver PIOGÓN 1 /10858. (MGG(C35, C47, P5), XLF5(63)).
10857 **piogo** *s.m.* Ver PIOGÓN 1 /10858. (XLF5(62)).
10858 **piogón 1** *s.m.* Corda ou cadea que vai por riba do xugo entre os chanciles. (MGG(C33, C38, C43), XLF, XLF5(20, 21, 45)).
10859 **pioguín 2** *s.m.* Ver PIOGÓN 1 /10858. (Cam1, Cam2, Cam6, MGG(C16, C17, C21), Nande).
10860 **pioxín** *s.m.* Ver PIOGÓN 1 /10858. (XLF5(19)).
10861 **redriza** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (LCA1).
10862 **retiza** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (Com1).
10863 **retranca** *s.f.* Correa de coiro que, por riba do xugo, traba entre eles os dous cancís interiores (Miranda de Castroverde). (ERQ3).
10864 **retriz** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (Per1).
10865 **retriza 1** *s.f.* Correa ou cadea que une as cangallas pola parte superior para que non se bote o xugo sobre o gando. (Com1, Feás-A, Mel1, Mel2, MGG(C9, C14, C15, C20, C25, C26, C32, C36b), Per, Ulloa, XLF5(11, 15, 31, 64, 65)).
10866 **riastra** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (MGG, Razo).
10867 **sobrepioga** *s.f.* Correa ou cadea que une as cangallas pola parte superior. (Buxán, Com1, MGG, XER).
10868 **solta 4** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (MGG(C8), XLF5(116)).
10869 **tesouro** *s.m.* Correa de coiro que, por riba do xugo, traba entre eles os dous cancís interiores (Nodar de Friol). (ERQ3).
10870 **tirante** *s.m.* Ver RETRIZA 1 /10865. (Maía2, MGG).
10871 **trabillón** *s.m.* Correa de coiro que, por riba do xugo, traba entre eles os dous cancís interiores (Acibeiro). (ERQ3).
10872 **trabinca** *s.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. As nosas fontes escriben *travinca* pero A. Otero, que define como "Atadura que se da a la mitad de la carga del carro con la cuerda de éste", derívao do latín *trabs*, aínda que alí significaba "trabe, maza, mesa" ou "habitación". (Nogue., Portas).
10873 **trabo** *s.m.* Ver RETRIZA 1 /10865. (XLF5(114)).
10874 **tralla 1** *s.f.* Correa ou cadea que une as cangallas pola parte superior. (Arabe., Camb., Com1, Corna., LCA1, Maía2, Mens, MGG(C12, C12a, C16, C30, L28a, L31, P6a, P8, P9, P12), Mon., Mon2, Ulloa, XLF5(48, 55, 82, 113, 114, 115, 126)).
10875 **tramalla** *s.f.* Ver TRALLA 1 /10874. (MGG(C18a), Razo).
10877 **trenla 2** *s.f.* Ver TRALLA 1 /10874. (MGG(C11b, C18a, P9a), XLF, XLF5(115, 125)).
10878 **trinca** *s.f.* Ver TRALLA 1 /10874. (Feás-A, Gui., MGG(C20a, L17a), Mora2, Parga, XER, XLF5(52)).
10879 **trinque 1** *s.m.* Ver TRINCA /10878. (Ped1).
10880 ***barbillón 3** *s.m.* Ver RETRIZA 1 /10865. (Callo., Carbia, Lousado, MGG(C40, C42, P4, P5, P6, P11), PradoL, XLF5(27, 71, 79, 80, 81, 92, 118)).
10881 ***cadena 1** *s.f.* Ver CADEA 1 /10841. (Meira4, MGG(C39), Ramil, XLF5(59, 138)).
10882 **cadea da chavella** *s.comp.f.* Ver CADEA 1 /10841. (CovasC).
10883 **cadea do xugo** *s.comp.f.* Ver CADEA 1 /10841. Maía2 recolle *cadea do xujo*. Ramón Lorenzo califica esta voz, e mais *correa do xujo* como *postizas*, por esqueceren os informantes a palabra técnica. (Maía2, MGG(C27)).
10884 **corda do chavellón** *s.comp.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (MGG(C27)).
10885 **estorba da chavella** *s.comp.f.* Ver RETRIZA 1 /10865. (MGG(P15)).
10886 **pioga de emparar** *s.comp.f.* Ver PIOGÓN 1 /10858. (MGG(C37)).

9.4.2.16. Os cancís

As pezas de madeira entre as que se mete o pescozo da vaca teñen basicamente o nome de *cancís* no xugo de tipo B e de *cangas / cangallas* no xugo de tipo A. En principio os *cancís* son curvos, pasan por baixo do pescozo da vaca e soben a embutirse no corpo do xugo por unhas furas e alí suxéitanse cunha caravilla ou pasador: teñen polo tanto a forma de U. Polo contrario, as *cangallas* son paus rectos, normalmente máis anchos na parte superior, e diverxentes que baixan do corpo do xugo por cadansúa fura e por baixo do pescozo únense cunha correa chamada *pioga, pialla, apear, cibela, cádiga* etc.

Lémbre o que dixemos en 9.4.2.15. da alternancia das denominacións *cangalla* e *cancís*.

Segundo os nosos datos, os cancís fanse de madeira de carballo, bidueiro, castiñeiro, freixo, salgueiro ou chopo e, ultimamente, de metal.

Nas nosas fontes, os cancís aparecen unhas veces en singular e, outras, en plural, tendo en conta que son dous. Nós reproducímo-las voces en singular.

10887 **apoadoiro 2** *s.m.* Peza do xugo que pasa por debaixo do pescozo da vaca. (Caa., Cab.).

10888 **apodoiro 2** *s.m.* Ver APOADOIRO 2 /10887. (Ped1).

10889 **arco 1** *s.m.* Cada un dos cancís. (Cang5, MeiraM, MGG(P18, P19, P21, P24), XLF5(134, 147, 159, 166)).

10890 **aro** *s.m.* Ver ARCO 1 /10889. (Noalla3).

10891 **bregueiro** *s.m.* Cancil do xugo. (Carr-P, XLF, XRMF4).

10892 **brigueiro 1** *s.m.* Ver BREGUEIRO /10891. (Carr-P).

10893 **calmoza 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANCIL 1 /10896. (Guilfrei).

10894 **cancalla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANCIL 1 /10896. (XLF).

10895 **cançil** *s.m.* Ver CANCIL 1 /10896. XLF5 trata de reproducir sibilante con esta grafía. (XLF5(114, 115, 196)).

10896 **cancil 1** *s.m.* Peza do xugo formada por un pau revirado en forma de U que suxeita o gando ó xugo polo pescozo. (ERG, FMS, Gro1, MGG(C48, C49, O15, O19, P9, P12, P13, P14, P15, P16, P17, P20, P22, P23, P25, P26, P28, P29, P30), XPP).

10897 **canco** *s.m.* Ver CANCIL 1 /10896. (LCA1).

10898 **canga 6** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CANCIL 1 /10896. O noso informante de Sarria2 di que están feitas de madeira tenra trenzada. (ERG, MGG(L26, L39, P8, P10), Sarria2).

10899 **cangalla 4** *s.f.* Ver CANCIL 1 /10896. Galaxia defíneo como "cada uno de los palos combados del yugo entre los cuales se introduce el pescuezo del animal. CANCIL, PEALLA". E cando define *cancil* o fai coas mesmas palabras, dando neste caso os sinónimos *camela*, *cangalla* e *chancil*. Este dicionario é a única fonte que dá a *cangalla* este significado. Só en Cenlle localizámo-la voz *cangalla* co significado xeral de "xugo", que alí é de cancís, mentres que para tódalas outras fontes as cangallas son os paus rectos e diverxentes do xugo do tipo A. O feito de que a defina como "palo combado" e que lle poña de sinónimo *cancil* fai pensar en que os autores dese dicionario comprobaron que tamén se usa nalgures con estoutro significado. As nosas dúbidas aumentan ó comprobarmos que tamén dá *pealla* como sinónimo, cando tampouco ningunha outra fonte dá a *pealla* (nin *pialla* ou variantes) o significado de cancil nin de cangalla. (GAL).

10900 **cangarilla** *s.f.* Ver CANCIL 1 /10896. (XLF5(119)).

10901 **cansil 1** *s.m.* Ver CANCIL 1 /10896. (ERG, Gro5).

10902 **colar 2** *s.m.* Ver CANCIL 1 /10896. (MGG(P31, P32, P33), XLF5(185, 193, 195)).

10903 **chancil 1** *s.m.* Ver CANCIL 1 /10896. *Leveina und'o manciñeiro / d'o Canizo, e díxom'íl / que se danou c'o chancil / n-a parte d'o tragadeiro...* (PL2:4). (Cenlle, Freixo, MGG(O2, O5, O6, O10), PL2, Trasal., Veiga, XLF5(136, 151, 152, 153, 162, 164)).

10904 **chencil** *s.m.* Ver CANCIL 1 /10896. (Cenlle).

10905 **choucil** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CANCIL 1 /10896. A nosa fonte recolle a forma de plural *chouciles*. (Pena).

10906 **perna 3** *s.f.* Peza curva, de coiro ou pau, que atravesa a cangalla nos xugos dun só animal. (Castre.).

10907 **torga 1** *s.f.* Ver CANCIL 1 /10896. *O segundo modelo ten, en lugar de cangallas, dous aros de madeira, os bregueiros ('torgas')* (XRMF4:248). (Cerei., Espe., Fonta., MGG(L21, L25, L30, L33, L35), Trasal., XLF5(42, 68, 74, 77, 84, 111), XRMF4).

Cando o tempo anda á vira, os canciles espirran. (VLLM:1,138) [435]

Cando o tempo revira, os bois nos canciles espirran. (VLLM:1,138) [436]

[435] Llópiz: *â*. Podiamos pensar que, cando empeora o tempo, os bois espirran e iso fai que se movan os cancís do xugo, pero parece máis axeitado pensar nunha traslación estilística pola que os cancís simbolizan o boi que leva entre eles a súa caluga. Recólleo en Sarandóns.

[436] Llópiz recólleo en Cerceda.

9.4.2.16.1. As caravillas dos cancís

Os cancís colócanse por debaixo do pescozo do gando, introducindo os dous extremos de cada cancil por uns orificios que atravesan verticalmente o xugo, as furas que veremos máis adiante. Para suxeita-los cancís atravésanse por riba do xugo cun pasador de madeira ou de metal.

10908 **abrocha 3** *s.f.* Caravilla para suxeita-los cancís (XLF5(109)).
10908b **apialla 2** *s.f.* Caravilla para suxeita-los cancís (XLF5(186)).
10908c **bío** *s.m.* Caravilla para suxeita-los cancís. (MGG(L31, L33, L35), XLF5(68, 74, 75, 77, 84, 96, 120)).
10909 **caravilla 1** *s.f.* Pasador metálico que suxeita os cancís ó xugo. (Gro5, XLF5(114, 128, 149, 185)).
10910 **cravilla 1** *s.f.* Bío ou caravilla para suxeita-los cancís. (MGG(P16, P17), XLF5(126, 147)).
10911 **chave** *s.f.* Ver CHAVELLA 2 /10912. (MGG(O15)).
10912 **chavella 2** *s.f.* Bío ou caravilla para suxeita-los cancís. (MGG(P20, P25), XLF5(135, 160, 169)).
10912b **espeta** *s.f.* Ver ESPICHA /10913. (XLF5(42)).
10913 **espicha** *s.f.* Bío ou caravilla para suxeita-los cancís. (MGG(P28, P32), XLF5(112, 158, 159, 185, 195)).
10913b **espita** *s.f.* Ver ESPICHA. (XLF5(84, 115, 150, 193)).
10914 **fecho** *s.m.* Bío ou caravilla para suxeita-los cancís. (MGG(P30), XLF5(168)).
10915 **garabuxo** *s.m.* Ver CARAVILLA 1 /10909. (Feás-B).
10916 **garavilla** *s.f.* Ver CARAVILLA 1 /10909. Beariz escribe *garabilla*. (Beariz).
10917 **pasador 3** *s.m.* Bío ou caravilla para suxeita-los cancís. (MGG(C47, P30), XLF5(71, 100)).
10918 **pea** *s.f.* Ver PEALLA 4 /10919. O noso informante di *peas*. (MGG(P26), XLF5(167)).
10919 **pealla 4** *s.f.* Bío ou caravilla para suxeita-los cancís. (MGG(P29, P30)).
10920 **travesa 1** *s.f.* Ver TRAVESO /10920. (XLF5(123, 199)).
10920b **traveso** *s.m.* Ver PASADOR 3 /10917. (MGG(L39), XLF5(98, 110, 122, 133)).
10921 ***caravixa** *s.f.* Ver CARAVILLA 1 /10909. (MGG(O19, P13, P27), XLF5(177)).
10922 ***clavixa** *s.f.* Ver CARAVILLA 1 /10909. (MGG(P24), XLF5(54, 114, 136, 152, 162)).
10922b ***clavo** *s.m.* Ver CARAVILLA 1 /10909 (XLF5(164)).

9.4.2.16.2. As furas dos cancís

Orificios que atravesan o xugo e polos que se introduce o cancil.

10923 **fura 2** *s.f.* Burato polo que se introduce o cancil no corpo do xugo. (MGG(C48, C49, P15)).
10924 **furado 2** *s.m.* Ver FURA 2 /10923. (MGG(L30)).

9.4.2.17. A molida

Para evitar que o roce do xugo lesione o animal, colócanse entre os arcos do xugo e a pel do cachazo unhas almofadiñas denominadas *molidas*. Estas molidas fanse de pel (de can, ovella, xato, xabaril, porco, lobo ou raposo), e van cheas de palla ou pelo. A pel é dabondo longa para que, unha vez atado o xugo ós cornos, dea a volta por detrás e por riba del para cubrilo, constituíndo o que logo veremos co nome de *cubertas*.

10925 **cabezal 1** *s.m.* Peza da molida que vai entre o xugo e a caluga do animal. Ver MOLIDA 1 /10927. (Parade.).
10926 **cepo 2** *s.m.* Molida do xugo. Recibe este nome por servir para asegura-los cornos da xugada ó xugo. O noso informante de Pantón explica que é unha parte da molida que vai sobre a cabeza do animal. (Pantón, Parade.).
10927 **molida 1** *s.f.* Peza mol colocada entre o xugo e a pel para evita-lo roce. *As 'molidas' do xugo constan de 'cabezais', pra poñer de molido por baixo do xugo cornal enriba da cabeza dos bois, e de 'cobertas', de pel de ovella, can ou golpe co pelo sen adubar, pra poñer por riba das molidas e do xugo, atado cunha 'correias' 'correas' aos cornos dos bois ou vacas xunguidos* (Parade.:65). *As molidas son pelicas de porco con cubertas de can cosidas. Compóñense de duas partes: a primeira, vai enriba da testa e debaixo do xugo, e a outra, pola parte alta diste. Casi sempre acaban nunhos adornos que penduran pola frente do gando, e que sirven pra que todo aquelo sexa máis bonito, e as moscas non piquen tanto os animais* (JEFA:92). Como xa vimos anteriormente, o nome de *molida* tamén designa o propio xugo de molida. (Común: Alla4, Ancares, Ced., Com1, Cou3, CP, JEFA, Mel1, Mez., Mez1, MGG (C1, C3, C5, L1, L2, L3, L4, L5, L6, L9, L12, L13, L14, L16, L19, L22, L25, L26, L29, L30, L31, L32, L33, L35, L36, L37, L38, O3, O4, O7, O8, O9, O11, O12, O13, O14, O18, O20, O21, O23, O24, O25, O26, O27, O28, O29, O30, O31, A1, A3, A5, A6, A7, LE1, LE2, LE3, LE4, LE5, Z1, Z2, Z3), MLP, Nove., Pantón, Parade., Porto, Ram., Sete-L, Ver1, Ver2, XLF, XLF5 (43, 175, 182, 183, 203), Xun2).
10928 **molido** *s.m.* Ver MOLIDA 1 /10927. (Com1, Cur., Dum., Gro1, Laxe, Razo, Vala.).

10929 **mollida** *s.f.* Ver MOLIDA 1 /10927. (MGG(A2, A4)).

10930 **mulida 1** *s.f. Ú. t. en pl.* Ver MOLIDA 1 /10927. Laureano Prieto recolle nun conto a pel do lobo como materia prima: *O cazador que xa o tiña ben apuntado* [ó lobo] *despechóulle un tiro e matóuno. Despóis quitóulle a pelica pra facer unhas coberteiras pra as mulidas* (Gud3: 132). (Ancares, Ancares2, Burón, Cab., Cal., Cambe2, Com1, CP, Cur., Donís3, Escul., Feás-A, Fonta., Fri., Gud3, Gud5, Gui., Hermi., Ibias1, Incio, Merca, MLP, Mra., Pazó, Pazos, Ped., Pentes2, Piquín, Queizán, Sandiás, Suarna, Vala., Ver1, Vil., XLF, XLF5(146, 156, 171, 189, 197, 207), XRMF4, Xun.).


10931 **mulido** *s.m.* Ver MOLIDA 1 /10927. (Caa., Cab., Com1, Feás-A, Per., Sob., Toba).

10932 **mullida** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MOLIDA 1 /10927. (AG-AO, VGR).

10934 **pucha 3** *s.f. Ú. m. en pl.* Molida do xugo. Reciben este nome porque se poñen na cabeza da xugada, a modo dunha pucha. *Istes bois ó dexungui-los tiran coa pucha*. (Parade.).

10935 **rodela 4** *s.f.* Ver MOLIDA 1 /10927. (MGG(O25)).

9.4.2.18. A cuberta



Cubertas da molida. Véxase a ilustración da epígrafe 2.4.3.; p. 188.

Por riba da molida e dos arcos do xugo vai, como xa dixemos, unha cuberta de pel para protexer aquela e as cornais da choiva e do sol. Normalmente esta cuberta vai adornada con algún motivo ornamental, gravado ou deseñado con cravos dourados, e ás veces as iniciais do dono da casa.

10936 **cabezal 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CUBERTA 1 /10940. A nosa fonte recolle a forma de plural *cabezales*. (Pazos).

10937 **coberta 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CUBERTA 1 /10940. (Ancares, Ancares2, Parade., Xun2).

10938 **coberteira 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CUBERTA 1 /10940. Realmente ERG dános unha definición que nos fai pensar nas cerras ou mosqueiras: "Tiras de cuero con adornos que cubren el testuz de los bueyes uncidos. Se usan mucho en varias comarcas orensanas". (Cambe2, ERG, Gud., Gud3, Gud5, Hermi., Lubián, Mez., Mez1, MGG(O9, O21, O24, Z2)).

10939 **cobertoira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CUBERTA 1 /10940. *As 'cuberteiras' ou 'cobertoiras' van por riba de todo, tapando; o que foron rabo e patas do animal, decolgan por diante, coma adorno* (Friei.:211). (Escul., Friei.).

10940 **cuberta 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Pel de can, ovella ou lobo que cobre a cabeza do gando xunguido para que non chova sobre os outros aparellos. (Ancares, Ancares2, Burón, Cal., Ced., Donís3, ERQ, MGG(L16, L19, L23, L29, L32, L37, O13, O14, O20, O26, A2, A4, A5, A6, A7, LE2, LE3), Mra., Ram., Sandiás2, Suarna, Ver1, XLF, XLF5, Xun.).

10941 **cubertas** *s.f.pl.* Conxunto de pezas que forman a *cuberta*. (Ancares2, Pazó, XLF5(30, 33, 34, 35, 36, 37, 41, 42, 43, 44, 56, 76, 77, 86, 171, 189)).

10942 **cuberteira 1** *s.f.* Ver CUBERTA 1 /10940. (Friei., MGG(O3, O9, O12, O21, O24, Z2, Z3)).

10943 **cuberteiras** *s.f. pl.* Ver CUBERTAS /10941. (XLF5(84, 174, 187)).

10944 **cubertoira** *s.f.* Ver CUBERTA 1 /10940. (Ver1).

10945 **cubertura** *s.f.* Ver CUBERTA 1 /10940. (MGG(Z1), Porto).

10946 **cubremolida** *s.f.* Peza de pel que vai sobre a molida, como protección contra a choiva. (MGG, Ped1).

10947 **frontil** *s.m.* Ver CUBERTA 1 /10940. VGR non recolle *frontil* como entrada, senón dentro da definición da *cerra*: "Fleco compuesto de cordoncillos gruesos terminados en bolas y colgantes de las mullidas (frontiles) que sirven para evitar que las moscas principalmente piquen a los bueyes en los ojos". (VGR).

10948 **melena 1** *s.f.* Pelico de can, porco, porco bravo, ou similar, que se pon no frontal dos xugos de molida, para protexela. Uns informantes explican que serve para protexer das moscas a testa das vacas; outros dinnos que serve para protexe-la molida da chuvia. O noso informante en Ancares2 dános unha definición que fai equivaler a *melena* coas cerras ou mosqueiras: "Los flecos (*freques*) o colgantes que penden de la cubierta son *as melenas* (también *orelleiras*, *urelleiras*), con *cerras ou serras* y *mosqueiras*, además de *guedellas* y en Suárbol *cincerras*; 'meleneras' en castellano" (Ancares2:225-226). Tendo en conta as outras fontes e que a explicación de Ancares2 é mesmo confusa, preferimos deixar *melenas* co significado de cubertas. (Ancares, Ibias1, MGG(LE1), Ped1, Suarna, XLF5(57)).

10949 **pelella** *s.f.* Ver CUBERTA 1 /10940. (MGG(A5)).

10950 **pelexo 4** *s.m.* Ver CUBERTA 1 /10940. (MGG(Z1)).

10951 ***cubierta 1** *s.f.* Ver CUBERTA 1 /10940. (MGG(L35, L38, O7, O23, O25, O28, A3, LE4, LE5), VGR).

10952 ***cubiertas** *s.f. pl.* Ver CUBERTAS /10941. (Gud5, XLF5(55, 74, 84, 182, 183, 203)).

10953 **tapa da molida** *s.comp.f.* Ver CUBERTA 1 /10940. A nosa fonte recolle a forma de plural *tapas das molidas*. (MGG(A1)).

10954 ***cubierta das molidas** *s.comp.f.* Ver CUBERTA 1 /10940. (Alla4).

Coberteiras para as mulidas [437]

Estaba unha cocha con catro marranchiños, embuligándose ao lado de un muíño [438], cando apareceu [439] por alí un lobo que lle dixo que lle os quería comer.

Respondeulle a cocha que, coma inda eran mui pequeniños, non os [440] boutizara, pro que podían facelo ascape, se el quería ser o padriño.

O lobo dixo que si [441]. Estonces a cocha mandouno pór na cima [442] da cal do muíño, i en [443] canto o lobo se descuidou [444], deulle unha fuciñada e botouno pola [445] cal abaixo hasta o rodecio, onde quedou cuas patas enzaramalladas entre o penado. E cueso decíalle ao muíño:

- ¡*Para, beilón*! ¿*Tu paras ou non*?

Hasta que se lle desenzaramallaron as patas [446] e saíu espedido contra a parede do muíño onde levou unha zoupada mui grande.

No entretanto a cocha fuxiu prá [447] casa cos seus marranchiños.

O lobo marchou de alí todo enrabechado e cua mesma fame que traía.

Máis [448] adiante atropou un burro que andaba pastando nun [449] prado e díxolle:

- *Traio muta fame e quérote comer*.

- *Cómeme* -dixo o burro- *pero antes hasme* [450] *de quitar unha ferradura que me puxo mal posta o ferrador e máncame muto*.

---

[437] Gud3: 131-132.

[438] Aquí e no resto do texto: *muiño*.

[439] No texto: *aparecéu*. Tamén no resto do texto: *respondéulle*, *mandóuno*, *déulle*, *quedóu*, *botóuno*, *levóu*, *marchóu*, *atropóu*, *zorregóulle*, *chimpóu*, *apuntóu*, *pasóu*, *tiróume*, *quitóume*, *despechóulle*, *matóuno*, *quitóulle*.

[440] No texto: *non-os*.

[441] No texto: *sí*.

[442] No texto: *por no cima*.

[443] No texto: *i-en*.

[444] No texto: *descudióu* (sic).

[445] No texto: *pol-a*.

[446] No texto: *desenzaramallaron-as patas*.

[447] No texto: *fuxíu pra*.

[448] No texto: *Mais*.

[449] No texto: *n-un*.

[450] No texto: *hásme*.

- *Pois a ver* -dixo o lobo- *estira a pata*.

Cando o lobo lle foi a quitar os clavos, o burro zorregoulle unha patada que lle chimpou dous dentes.

Fuxiu [451] de alí e, coma non vía ben, foise a meter nun [452] cazador que o apuntou cua carabina.


Estonces vendo que xa non tiña romédeo, dixo:

- *¡Agora si que me pasou chasco!*
Un tiroume ao muíño;
outro quitoume os dentes
i autro vaime quita-lo casco [453].

O cazador, que xa o tiña ben apuntado, despechoulle un tiro e matouno. Despois [454] quitoulle a pelica pra facer unhas coberteiras pra as mulidas.

9.4.2.18.1. Os flocos da cuberta

Os extremos das cubertas rematan nuns freques ou colgantes, de cordiñas ou tiras de coiro, que caen sobre a cara do gando. A súa función non é realmente decorativa, senón que pretenden axota-las moscas dos ollos, tendo en conta que este sistema de xungui-lo gando limítalles moito o movemento da cabeza. É curioso que isto non existe no xugo de cangas nin no xugo de cancís, porque aí a vaca ten moita máis liberdade para move-la testa e así ir axotando as moscas.



Freques ou milfeiras dos Ancares (Piornedo).

10955 **cadilleira** *s.f.* Adorno que se lle pon á vaca diante da cara para protexela das moscas. MGG recólleo en plural. Sospeitamos que estas tiras de coiro, cordóns, flocos poden ter algo que ver co *cadillo*, nome do cordón umbilical. (MGG(L23, L29, O27, A7, Z1), Ped1, XLF5(56, 57, 74, 76, 84, 86, 87)).

10956 **cerra** *s.f. Ú. m. en pl.* Floco formado por cordóns rematados en boliñas que colga dos *frontiles* para axota-las moscas. (Ancares, Ancares2, Drago., MGG(LE4, LE5), VGR, Xun2).

10957 **cincerra 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CERRA /10956. (Ancares, MGG(O3, LE1)).

10958 **cinzarra 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CERRA /10956. (Vald1).

10959 **flecos** *s.m.pl.* Flocos das cubertas. (MGG(L4, L5, O28, A2, A3)).

10960 **flequeira** *s.f.* Conxunto de flocos do frontal da molida. Rivas Quintas (*Frampas* I:93) escribe *flaqueira*, pero alfabetizado como se fose *flequeira*. (Laza, Xun-E).

[451] No texto: *Fuxíu*.
[452] No texto: *e coma non via ben, fóise a meter n-un*.
[453] No texto: *i-autro váime quital-o casco.*
[454] No texto: *Despóis*.

10961 **fleques** *s.m.pl.* Flocos das cubertas. (Friei., MGG(L32, O7, O9, O12, O26, Z3)).

10962 **freques** *s.m.pl.* Flocos das cubertas. (Ancares, Ancares2, MGG(L32, O25)).

10963 **frontal** *s.m.* Conxunto de flocos que penden sobre os ollos da vaca na parte anterior da cuberta. A nosa fonte recolle a forma de plural *frontales*. (XLF5(44)).

10964 **fruntal** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver FRONTAL /10963. A nosa fonte recolle a forma de plural *fruntales*. (XLF5(35)).

10965 **frunteira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver FRONTAL /10963. MGG cita a Carré. (MGG, XLF5(36, 43)).

10966 **guedella** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver GUEDELLEIRA /10967. MGG cita a Carré. (Ancares, Ancares2, MGG).

10967 **guedelleira** *s.f. Ú. m. en pl.* Floco que teñen as molidas por diante e que cae sobre os ollos do animal para axota-las moscas. (Blancos1, CP, LCA1, MGG(O20)).

10968 **liceira** *s.f.* Floco da molida. (MGG(O20), VSan.).

10969 **milfeiras** *s.f.pl.* Floco ou borla que leva a cuberta para axota-las moscas. *Un rapaz acompañaba a cada xugada cun follato de castiñeiro pra lle tornar as moscas e tabaus, molestos a pesar dos fleques ou milfeiras das mulidas* (Friei.:217). (AL1, Alla4, Ancares2, Friei., MGG(O14), Pazó, Sandiás2, XLF, XLF5(171), Xun2).

10970 **monteiras** *s.f.pl.* Flocos das cubertas. (MGG, XLF5(36)).

10971 **mosqueira 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CERRA /10956. *O remate da cuberta por diante da cabeza dos animais recibe varias denominacións, como 'cerras' ('serras'), 'freques', 'mosqueiras', 'guedellas', 'melenas', 'orelleiras', 'cincerra' (Suárbol e Balouta), etc. O nome que máis se axusta é o de 'mosqueiras', pois son para que as moscas non molesten ó animal, sobre todo nos ollos* (Ancares:340). (Ancares, Ancares2).

10972 **mosqueiro 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver MOSQUEIRA 1 /10971. (MGG(O25)).

10973 **mulifeira** *s.f.* Correa de coiro da que colgan unhas tiras de coiro. Vai colocada sobre a testa das vacas para que non lles molesten as moscas. (Xun.).

10974 **orelleira** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CERRA /10956. (Ancares, Ancares2).

10975 **perendengue 1** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das cintas que colgan da parte inferior da molida do xugo para escorrenta-las moscas. (Tras., Ver1).

10976 **perilla 4** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver PERILLO /10977. (MGG(L35)).

10977 **perillo** *s.m.* Floco da molida que colga sobre a testa das vacas para escorrentarlle as moscas. MGG recólleo en pl., *perillos*, en L33. (Cal., Incio, MGG(L33), Mra.).

10978 **perindengue** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PERENDENGUE 1 /10975. (MGG(O13)).

10979 **serra** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CERRA /10956. (Ancares, Ancares2).

10980 **visal** *s.m.* Parte da cobertoira que cae sobre os ollos. (Lim6:752).

10981 **zarralla 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CERRA /10956. (Fol-Co., MGG(L37, LE2, LE3)).

10982 ***antiojeras** *s.f.pl.* Flocos das cubertas. (XLF5(37, 42, 43)).

10983 ***mosquera** *s.f.* Ver MOSQUEIRA 1 /10971. A nosa fonte recólleo en plural. (MGG(A6)).

10984 ***mosquitera** *s.f.* Ver MOSQUEIRA 1 /10971. A nosa fonte recólleo en plural. (MGG(L19, A6)).

9.4.2.19. A corneira

Como xa dixemos, o xugo de molida vai atado ós cornos da xugada. Para esta atadura utilízanse as cornais, correas de coiro ou sogas que dan varias voltas ós cornos dos animais e ós castelares do xugo, deixando un cabo solto para guia-la xugada. As diferentes denominacións que reciben estas correas pódense agrupar, segundo Manuel González González, en tres apartados: 1) as derivadas do lat. tardío *soca*; 2) as relacionadas co lat. *cornu*; e 3) as derivadas do lat. *corrigia*.

Véxase o dito en 9.4.2.13.1 na *Nota sobre as denominacións do estrobo, as piogas e as cornais* cando falamos do estrobo.

10985 **ara** *s.f.* Parte da corda coa que se amarran os cornos da vaca ó xugo. (Com1).

10986 **cibela 2** *s.f.* Pauciño espetado nun extremo das corneiras para asegura-la atadura e que non se solte. (Ancares2).

10987 **cornal 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Correa coa que se atan os cornos da vaca ó xugo no xugo de molida. Recólleo en singular masculino Viana. Recólleno en singular feminino Gud., Mez., Mez1, MGG (O9, O12, O29, LE1), Porto, Valad2, Vil. Recollen a forma de plural *as cornais* Ancares, Ancares2, Barco, Gud5, Hermi., MGG (O3, O24, LE1, LE2, LE3, Z1, Z2, Z3), XLF5 (173, 184). [A molida] *vai atada ós cornos coas 'cornais' ou sogas (que poden pasar dos catro metros de longo)* (Ancares:339-340). Recollen a forma de plural *as cornás* MGG (O22), XLF, XLF5 (141, 183). Recollen a forma de plural *as cornaes* Mez1, Mez3, XLF5 (174). E, finalmente, recollen a forma de plural *cornales* (sen indicar xénero) en AG-AO, Cambe2, Larou.,

MGG (L32, L37, L38, O3, O4, O17, O21, O24, LE4, LE5), PdFl2, Pentes2. (Común).

10988 **cornal 2** *s.m.* Ver CORNAL 1 /10987. (Viana).

10989 **cornate** *s.m.* Ver CORNAL 1 /10987. A nosa fonte recólleo en plural. (Carucedo).

10990 **corneira** *s.f.* Ver CORNAL 1 /10987. (ERG).

10991 **cornial** *s.* Ver CORNAL 1 /10987. As nosas fontes recollen a forma de plural *corniales*. (Vigo-O, Vill-O2, Vpedre.).

10992 **correa 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver SOGA 1 /10995. (LamasM, MGG(L4, L5), XLF5(4)).

10993 **fibela** *s.f.* Ver CIBELA 2 /10986. (Ancares2).

10994 **ladreal** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CORNAL 1 /10987. A nosa fonte recolle a forma de plural *ladreás*. (LCA1).

10995 **soga 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Correa de coiro, de pel de cabra, ou corda coa que se atan os cornos ó xugo. (Alla4, Ancares2, Donís3, Fonta., JEFA, MGG(L19, L23, L29, L35, O7, O11, O13, O14, O20, O23, O25, O26, O27, O28, A1, A2, A3, A4, A5, A6, A7), Pazó, Pazos, Queizán, Sandiás, Sarria2, XLF5(96, 136, 171, 182, 189, 197)).

10996 **tiro 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CORNAL 1 /10987. (Larou.).

10997 **xoga 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver SOGA 1 /10995. (MGG(A7)).

10998 **correa cornal** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver CORNAL 1 /10987. A nosa fonte recolle a forma de plural *correas cornás*. (XLF5(203)).

10999 **soga de xuncir** *s.comp.f.* Ver SOGA 1 /10995. (MGG(L33)).

9.4.3. A xugada

Normalmente o carro, o arado, a grade e a zorra avanzan tirados por unha parella de bovinos unidos por un xugo e ese xugo unido á cabezalla: iso é a xugada ou a xunta. O noso informante en Ancares parece diferenciar entre *xugada* de bois e *parella* de vacas:

> *"Case na punta [a lanza] ten unha argola, na que se amarra outra* ***xugada de bois*** *ou* ***parella de vacas*** *para cuartar, é dicir, subir por camiños moi empinados, por iso tamén se coñece pola argola da cuarta, á que se suxeita a cadea que vai ata o xugo por medio dun gancho (a gabeta ou gabita)"* (Ancares:360).
>
> *"A* ***xugada de bois*** *ou* ***a parella de vacas*** *–actualmente das primeiras coidamos que xa non queda ningunha en todo o val-…"* (Ancares:340).
>
> *"No medio da última cadea vai por debaixo a argola ou cavillel de recuartar ou da recuarta, na que se amarra* ***outra xugada*** *ou* ***parella*** *(ou mesmo só un animal) cando o carro está baixando por un camiño moi costo"* (Ancares:360).

¿Existe ou existiu esa restrición léxica que só permitía combinar *xugada* ou *xunta* con *boi*? Fóra dos Ancares non encontramos tan explícita esa matización pero parece probable que estas distincións estivesen máis estendidas. É certo que o refraneiro e o cantigueiro falan de *parellas* ou *parexas* de bois ou vacas indistintamente pero *xugada* e *xunta* só aparecen cos bois. Outros informantes parecen asociar *xugada de bois* para o carreto e para o arado, e *parella de vacas* para o carro da casa, pero na información léxica que manexamos *xugada* e *xunta* defínense como "parella de bois ou de vacas". Carré (1928-1931) parece se-lo primeiro que define a *xugada* como *par de bueyes o vacas que se uncen juntos para trabajar la tierra o tirar de un carro*. Posteriormente Eladio Rodríguez especifica que *Lo más corriente en Galicia es que las XUGADAS sean de vacas. En la provincia de Lugo, más rica en ganadería, son algo más frecuentes las XUGADAS de bueyes* (ERG: s.v. *xugada*). É dicir, para el *xugada* é indistintamente "pareja de bueyes o vacas que se uncen para arar, para gradar o para carretar".

O que si parece certo é que os bois, fóra da función semental, non teñen outra cá de se poñeren ó xugo e quizais por iso se mentan sempre en parella mentres que as vacas, fóra da función reprodutora e da de tiro (e nótese que hai carros e xugos de un só animal, que é sempre vaca), aínda teñen a función de produciren leite, polo que as podemos mentar en forma individual ou colectiva pero non necesariamente par, coma naqueles textos de Fole: *En canto a facenda, mantiña dúas parexas de bois e doce vacas e xatos* (Cou3:15). *Había seis ou sete cabalos e tres parexas de bois* (Cou3:45).

11000 **abesana** *s.f.* Xugada. (ERG).

11001 **axughado** *s.m.* Xugada de bois ou vacas. Dubidamos que a nosa fonte transcriba ben. Posiblemente estea reflexando *a xughada*. (Casal.).

11002 **ensughada** *s.f.* Ver XUGADA 1 /11009. (Morai.).

11003 **par** *s.m.* Parella para labrar, xugada. (Abe., Com1).

11004 **pareada** *s.f.* Xugada de bois ou vacas. (Ribe1).

11005 **parella** *s.f.* Xunta de bois ou vacas. (Común).

11006 **sughada** *s.f.* Ver XUGADA 1 /11009. (Baíñas, Dum., Vtose).

11007 **sunta** *s.f.* Ver XUNTA /11012. (Dum.).

11008 **xogada** *s.f.* Ver XUGADA 1 /11009. (Lava.).

11009 **xugada 1** *s.f.* Parella de bois ou de vacas cando están xunguidas. (Común. ILG:80 (C:27, LU:24, OU:20, PO:9)).

11010 **xughada** *s.f.* Ver XUGADA 1 /11009. (Cang2, Cang3,

Carr-C, Cerd2, Dúas, Enxames, Estr3, Estr4, Fol-C, Lagar., Medín, Oliv., Peroxa, Sende., Sisán, Somo1, Somo2, Verdu., Vxoán).

11011 **xugo 6** *s.m.* Ver XUGADA 1 /11009. *O vesadoiro, tiraban por el dous ou tres xugos de vacas*. (Ctel2, Dozón).

11012 **xunta** *s.f.* Ver XUGADA 1 /11009. En Laxosa só nos din: *xuntas*, que supoñemos s.f.pl. por *xugadas*. Pero, sen máis especificacións, cabe a posibilidade de que sexa un adx. pl. aplicado a dúas vacas que van *xuntas*. O *Glosario de voces galegas de hoxe* dáo como castelanismo por *xugada*, pero DRAG e VOLGa admíteno con este valor. DRAG, Negr2 e TapiaC din *xunta de bois*; Rama. e Ribad. din *xunta de bois o vacas*. (Baltar, Bar-Co., Borre., Burón, Busta., Cal., Carr-G, Cod., Com1, Couso, CReis2, CTui, DRAG, Dum., Enxames, Gaxate, Gud., Gui., Gun., Hermi., Morga., Mra., Negr2, Parade., Rama., Ribad., Samos3, SComba, Sisto, Sob., Tabor., TapiaC, Troán1, Vil., Viso1, Viso2, Vixoán., Xudán1. ILG (C:15)).

11013 **xunto** *s.m.* Ver XUNTA /11012. (Mira.).

11014 ***parexa 1** *s.f.* Ver PARELLA /11005. Tamén incluímos neste rexistro outras formas que nos dan algúns dos nosos informantes: *parexa de bois ou vacas* (Noalla, Sisto), *parexa de bois* (Alla2, Cou3, Parga) e *parexa de vacas* (Anca, Cervá1., Couce., Lago, Lous., Parga). *Era a casa máis forte que había en tres legoas á redonda. Collíanse máis de cinco centos ferrados de centeo. En canto a facenda, mantiña dúas parexas de bois e doce vacas e xatos* (Cou3:15). *As parexas tiran todas a molida como en todolos sitios moi crebados. Cando se xunce unha soia parexa chámase ísto xuncir a sinxela* (Cou3:20). *Collíanse máis de oito centos canados de viño e máis de vinte de aceite. Había seis ou sete cabalos e tres parexas de bois. Máis de cen capós i outros tantos cabritos cobraban de renta ó ano, e ochenta libras de anguías* (Cou3:45). *Despois saía a parexa d'os bois arando c'un arao, c'un xugo ia mulidas* (Ancares2:167). "El yugo se pone a la yunta o *parexa de bois ou vacas* (*parexa* en Lena, *pareja* en Andiñuela)" (Ancares2:222). (Común. Alla2, Anca, Ancares2, Callo., Carr-G, Cervá1, Corb., Cou3, Cou3, Couce., Crendes, Culle., Cur., Cur1, Estr3, Gro1, Gud5, Guil2, Hermi., Lagar., Lago, Lampón, Lañas, LM, Lous., Lucí, Meir., Mosen., Mour1, Neves2, Nive., Noalla, Pade., Parga, Randu., Saiar, Sisto, Suevos, Valad1, Valad2, Vi-Val, Vill-O, VLLM, Vnova2, Xeve. ILG (C:9 [Buga-A, Cast., Conxo, Corre., Cruído, Negr2, Oroso1, Santi., Vcova.], LU:10 [Alence, Arroxo, Ced., Cubi2, Laxosa, Mira., Mondo2, Negra., Negral, Rib-S])).

11015 ***parexo 1** *s.m.* Ver PARELLA /11005. (Arroxo, Mra.).

11016 ***yunta** *s.f.* Ver XUNTA /11012. (Xudán1).

11017 **boi de mestura** *s.comp.m.* Bovino doutro propietario que se axuga con un propio. Aparece no diálogo -*¿A onde vas, cornudo? -Vou cos bois de mestura*. O significado de "parcería" confírmase en que *ter algo de mesturas* é ter ou posuír en comunidade ou parcería algún inmoble: moitos soutos téñense de mesturas, sacudíndose e recolléndose as castañas a medias. Tamén un prado: *Estamos carabuñando as gadañas pra segar a herba do prado que temos de mesturas na ribeira* (Parade:127). Con todo iso, a aparición dos *bois de mestura* no diálogo citado arriba pode ter unha explicación máis elemental que Antón Santamarina nos suxire e que sería a seguinte: "Talvez se pode interpretar *de mestura* como unha loc. adverbial: *vou de mestura* = mesturado cos bois (que é onde me corresponde ir debido á miña cornamenta)". A ese diálogo coñecémoslle outra variante que ofrece Ventín Durán -*¿A onde vas, cornudo? -Vou cos máis de mestura* que parece relativizarse porque a continuación ofrece estoutro diálogo: -*¿A onde vas, tolo? -Pra onde van todos*, co que parecería indicar que *ir de mestura* sería "ir acompañando, mesturado cos outros, facendo vulto". (Marín).

11018 **boi de traballo** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos bois da xugada. (Lendo, Noal).

11019 **boi do carro** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos bois da xugada. (CarbCo., Carr-C).

11020 **boi do xugo** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos bois da xugada. (Arca, Noal).

11021 **boi pró carro** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos bois da xugada. (Fózara).

11022 **boi xunguido** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Cada un dos bois da xugada. (Burela1).

11044 **de tiro** *s.comp.* [Boi ou vaca] da xugada. A nosa fonte recolle *ganao de tiro*. (Vill-O).

11045 **do xugho** *s.comp. Ú. m. en pl.* Ver DO XUGO 3 /11047. Recollemos nun só rexistro as diferentes formas que nos dan os nosos informantes: *vaca e boi do xujo* (Leir-A, Sende.) e *vacas do xujo* (Cunt2). (Cunt2, Leir-A, Sende.).

11046 **do xugo 2** *s.comp.* [Bovino] que xa vale para tirar polo carro. *Vaca do xugo*. (Cab., Com1, XER).

11047 **do xugo 3** *s.comp. Ú. m. en pl.* [Bovino] que forma parte da xugada. *Teño dúas vacas do xugo*. (Agro., Eixo, Fuxás).

11023 **par de bois** *s.comp.m.* Xugada de bois. (Figue1, Zamáns).

11024 **par de ghando** *s.comp.m.* Xugada de bois ou vacas. (Oroso2).

11048 **que vai ó xugo** *s.comp.* [Bovino] que xa vale para tirar polo carro. (Cer.).

11025 **vaca do carro** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das vacas da xugada. (CarbCo., Carr-C, Ortoño, Rus).

11026 **vaca do touce** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das vacas da xugada que vai ó pé do carro cando este leva máis dunha parella. (Tab.).

11027 **vacas xunguidas** *s.comp.f.pl.* Xugada de vacas. (Burela1).

11028 **xugada do couce** *s.comp.f.* Xugada que vai posta no cabezallo do carro. Aplícase só cando se engade unha segunda xugada diante dela. (Parade.).

11029 ***parexa de bois pra tirar polo carro** *s.comp.f.* Ver PARELLA /11005. (Figue2).

11030 ***parexa de xugho** *s.comp.f.* Ver PARELLA /11005. (Aranga).

11031 ***parexa de xunguir** *s.comp.f.* Ver PARELLA /11005. (Ces., Vmaior).

11032 ***parexa do tiro** *s.comp.f.* Ver PARELLA /11005. (Cam4).

11033 ***parexa do traballo** *s.comp.f.* Ver PARELLA /11005. (Caa., Pal.).

11034 **dúas pra o carro** *loc. s.* Xugada de vacas. (Com4).

11035 **media dobla** *loc. s.* Boi ou vaca menos potente á que se achega a dobla. (Suarna).

11036 **anteposto 1** *adx.* [Boi ou vaca] que leva detrás a persoa que os vai chamando. *Pasou un carro cantando. Os bois ían antepostos, e detrás, cunha mau no chedeiro e na outra unha aguillada, un home esfarrapado, con carís de fatiga* (XNV:94). *O bo do home mirou prá vaca; caéu na conta e quedóuse sen dar fala. Tiróu por ela e foise. Soupen que saíra da feira coa vaca anteposta e rezando a púbrico. Pro non eran Padrenuestros nin Avemarías* (GB2:107). (Común).

11037 **aparellado** *adx.* [Boi ou vaca] que vai atado xunto con outro, cabeza con cabeza. (Grixó).

11038 **cangueiro** *adx.* [Boi ou vaca] afeito ó xugo de canga. (Parade.).

11039 **cotexo** *adx.* Parello, que emparella ben. Aplícase ós bois que son de grandor e forza semellante. *Os dous bois son moi cotexos*. (GAL, Xun2).

11040 **enteposto** *adx.* Ver ANTEPOSTO 1 /11036. (Piquín).

11041 **entreposta** *adx.* Ver ANTEPOSTO 1 /11036. As nosas fontes recollen *vacas entrepostas* (Muras) e *xugada entreposta* (Vala.). (Muras, Vala.).

11042 **xunguido** *adx.* [Animal] que vai atado xunto con outro, cabeza con cabeza. (Pravio).

11043 ***aparexado** *adx.* [Boi ou vaca] que forma a xugada xunto con outro. Se foren de tamaño e forza similar, dirase *Vacas ben aparexadas*. (Miñor2).

11049 **antepoñer 1** *v.* Camiñar [a xugada] sen levar ninguén diante chamando. *Vai o home diante da xugada chamando por ela coa aguillada co seu aguillón, a miudo asubiando; ás veces tamén antepón a xugada e el aguilloa por detrás* (Friei.:216). *En todo isto pensaba o Albertiño no momento mesmo en que chamaron por il.* [...] *Antepuxo dúas vacas, apertándolles a corda e levando a outra pola súa* (GB2:53). *Foi por molime ó coto de Guillal e cando baixaba antepuxo o gando pra manter a carga coa forcada* (XNV:42). (Grixó,Barro,CLam3,Friei., GB2, Grixó, XNV).

11050 **antepor** *v.* Ver ANTEPOÑER 1 /11049. (Mra.).

11051 **leva-los bois antepostos** *loc. v.* Leva-los bois diante dun, indo a persoa que os vai chamando detrás. (Común).

11052 **ser do touce** *loc. v.* Ser as [vacas] que van ó pé do carro, cando este leva máis dunha xugada. (Tab.).

11053 **ser *parexos** *loc. v.* Formar unha parella harmónica [os dous animais dunha mesma xugada]. (Parade.).

11054 **trae-los bois entrepostos** *loc. v.* Ver LEVA-LOS BOIS ANTEPOSTOS /11051. *A xente iba vindo para as súas casas. Por camiños e carreiros víanse a catro e cinco. Us cas ferramentas ao lombo, eixadas e gadaños; outros con paxes e feixes de herba na cabeza; algús, con lotes de roupa do río ou do tendal... Un vello traía da corda, entrepostos, unha parexa de bois. O andar calmoso dos bois e do vello parecía que marcaba o rolar da noite sobre todas as cousas*. (LM:318).

Ben come a xugada en marzo, pero ha de sudalo. (VS)
En toda aldeia, catro bois son dúas parellas. (VLLM:1,142) [455]
O boi que alza e o boi que abaixa non fan boa xugada. (ERG:boi)
Quer parexa boa, quer mala, o boi arador sempre ara. (VLLM:1,152) [456]

[455] Llópiz recólleo da colección de *Refranes* de Mosquera Feal (Ferrol 1906).

[456] Llópiz recólleo dos *Contos de Sidro Labrego*. Sospeitamos dun erro de *boi arador* por *bon arador*, que sabe dirixi-la parella sexa boa ou mala.

Ten máis forza un pelo de cona que unha xunta de bois. (Goián3)
Tira máis pelo de cu que xunta de bois. (XSL:28) [457]
Tira máis un pelo da cona ca unha parella de bois. (Curro)
Tiran máis dúas tetas ca unha parella de bois. (Curro)

Catuxiña, Catuxiña,
Catuxa, miña adourada,
heime de casar contigo
cando teña unha xugada. [458]

Eu non che conto mentira
que xa verás dispois
pra targuela de Carballo
cansou unha xunta de bois. [459]

Miña nai, por me casar,
pormeteume unha xugada,
desque casada me viu
non ma deu a condanada. [460]

O cura deste pueblo
e mailo da miña aldea
¡que parexiña de bois
pron acarreto de pedra! [461]

Dous peludos
cun pelado;
e un fura-fura
e outro calca no rabo. [462]

Dous peludos
cun pelado;
unha fura-fura
e un calca-rabos. [463]

Dous peludos
cun pelado;
unha fura-fura
o outro calca no rabo. [464]

Dous peludos
e un pelado
e outro que lle colga o rabo. [465]

Dous peludos,
un pelado,
unha anguía
e un calca-rabos. [466]

Dous peludos,
un pelado,
unha anguía
e Xan Queitán. [467]

Dous peludos,
un pelado,
unha anguila
e un calcarrabos. [468]

Dous peludos,
un pelado,
unha miñoca
e un colea-rabos. [469]

Dous peludos,
un pelado,
unha miñoca
e un escarabanza. [470]

Dous peludos,
un pelado,
unha miñoca
e un escarrancado. [471]

---


457 XSL: *cú*.
458 LimiaB:61, XLF3:55; localízaa en Lobeira.
459 MC:26. No texto: *dinspóis* [sic]*, cansóu*.
460 LimiaB:101.
461 Gud8: 61. No texto: *de este, mail-o, pr-on*. É sabido que esta grafía fonética reproduce a realización local da contracción *pra un.*
462 Os bois, o arado, a aguillada e mailo labrego. APG:89.
463 As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:351.187.
464 As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:351.
465 As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:351.187.
466 Os bois, o arado, a aguillada e mailo labrego que anda atrás pinchando nos bois. VG:7.12.1985; ANV5: 2,15. Tamén ANV1:103: *anguila*.
467 Paco Martín recolle tamén a forma *Xan Guindán* que, sen dúbida, é máis popular, polo menos nos romances, pero quédase con *Xan Queitán* por fidelidade á primeira que anotou. PM:352, APG:89: *Xán*.
468 Os bois, o arado, a aguillada e mailo labrego. ANV1:103.
469 As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:353.189.
470 As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:353.189.
471 As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:353.

Dúas peludas,
un pelado
e un cálcalle no rabo. [472]

Pelo con pelo,
panza con panza
e o pelado no medio. [473]

Pelo con pelo,
panza con panza,
o tarangulo no medio
e que siga a danza. [474]

9.4.4. Xungui-las vacas



Xugada (Manuel Rodríguez Troncoso)

Esta acción adoita facerse en dous momentos sucesivos: primeiro pónselle ó xugo ás vacas e, despois, lévanse xa xunguidas facéndoas recuar ata que a cabezalla do carro ou do arado quede entre as dúas e así átase a cabezalla ó xugo. A voz máis común para o primeiro movemento é *xunguir* (e ten variantes) e para o segundo *apoñer* (e tamén ten algunha variante). Normalmente os informantes distinguen unha cousa da outra pero Ancares2, como se verá s.v. *apoñer,* parece denominar coa mesma palabra os dous momentos desta acción.

Lembremos aquí a crenza, común a case toda Galicia e norte de Portugal, de que na Cruz de maio (o día tres, festa da Santa Cruz) non se podía xunguir nin ata-lo gando, para que non lle pasase nada malo nese ano [475]. Lembremos tamén que os antigos gregos dicían que foi Sabazio, deus frixio a quen lle daban un culto orxiástico parecido ó de Dionisos, quen primeiro domesticou os bois e quen os afixo a cangar co xugo.

9.4.4.1. Poñe-las vacas ó xugo

A primeira vez que unha vaca se deixa xunguir marca para sempre a vaca. Esa primeira vez marca para sempre a súa relación de sumisión ó gandeiro. Por iso esa primeira vez pode ter algunha dificultade especial. O noso principal informante de Caritel contábanos que

> *Dunha volta custoume moito poñer ó xugo unha vaca que baixaramos do monte e que non traballara nunca. Era unha boa vaca pero nunca traballara. E eu quería poñela a traballar para vendela ben. E non tiven máis remedio que botarlle os dentes, os meus dentes, á cana do naris dela. Os bruios que daba cheghaban ó ceo, berraba de morte; pero leveina ó xugo do lado que eu quería* (Ctel1).

[472] O labrego arando. Carb:119, APG:256.

[473] Os bois co arado. PM:725.

[474] Os bois co arado. PM:726.

[475] CGP2:16, CGP3:82. Clodio González ten recollida esta crenza en lugares tan dispares como Vilestro (Santiago), Urdilde (Rois), Cuntis (Pontevedra), Cenlle (Ourense), Ponteareas (Pontevedra), Rao (Navia de Suarna), Zacande (Meis, Pontevedra), A Barcala (A Coruña), Dombodán (Arzúa), Arca (O Pino), Vila de Cruces (Pontevedra), Toques (A Coruña), etc.

Esa primeira vez a vaca memoriza tamén de que lado do xugo a puxeron e no futuro só traballará a esa man; irá espontaneamente a ese lado. Cambiala de man pode xerar dificultades.

11055 **aparella** *s.f.* Acción e efecto de aparellar. Ver APARELLAR 1 /11064. (Xun2).
11056 **xoncedoira** *s.f.* Ver XONCEDURA /11057. (Piquín).
11057 **xoncedura** *s.f.* Acción e efecto de xoncer. (Piquín).
11058 **abrochar** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (XLF5(104)).
11059 **acadegar** *v.* Suxeitar [o boi] ó xugo. (CP).
11060 **acibelar** *v.* Poñe-las cibelas [á xugada]. (Sob.).
11061 **aladrizar** *v.* Suxeitar [a vaca] ó xugo co ladrizo. Este *ladrizo* é a correa de coiro que suxeita o animal ó xugo pasando por debaixo do pescozo. Coñécese máis por *pialla*, *pioga*, *apear* etc. (Feás-A).
11062 **almear** *v.* Ver AMEAR /11063. (ERG).
11063 **amear** *v.* Xunguir nunha xugada [dúas reses de donos distintos]. (Entri.).
11064 **aparellar 1** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (MGG(P30)).
11065 **apear 2** *v.* Poñerlle os apeares [á xugada]. (Piquín).
11066 **apeirar** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (DRAG, ERG).
11067 **apiallar** *v.* Coloca-la pialla [do xugo]. (Fri., Mel1).
11068 **apor 2** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (MGG(C49, P19)).
11069 **axugar 1** *v.* Xunguir [os bois] ó xugo para tirar polo arado, carro etc. *Dempois vin chegar varias cousas: unha vaca e mais un burro axugados, turrando por un carro no que ían dous augardenteiros coa súa alquitara* (XNV:45). (ERG, MGG(C6, C21, C41, C42, P12, P21, P22), Parade., XLF5(27, 38, 45, 115, 125, 126, 159, 160), XNV).
11070 **axuntar 1** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (CP).
11071 **cangar 1** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. *Canga* é un dos nomes do xugo. (ERG, MGG(P20, P23, P25, P26, P27, P28, P29, P30, P32, P33), XLF5(92, 150, 167, 168, 176, 177, 185, 193, 195)).
11072 **encangallar** *v.* Ver CANGAR 1 /11071. (LCA1).
11073 **encangar 1** *v.* Ver CANGAR 1 /11071. (ERG, LCA1).
11074 **enxugar 1** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (XLF5(149, 158)).
11075 **enxunguir** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (ERG).
11076 **epiogar** *v.* Colocar ben a pioga. (Laxe).
11077 **ladrizar** *v.* Ver ALADRIZAR /11061. (XLF5(23)).
11078 **pechar 3** *v.* Darlle as primeiras voltas coa cornal [ós cornos da vaca]. (Hermi.).
11079 **poñer 1** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (XLF5(5, 110, 114, 129, 152)).
11080 **pór** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (MGG(C49, P16)).
11081 **prender 4** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (MGG(C26, C31, C32, C36, C49, P10)).
11082 **retrizar** *v.* Colocarlle a retriza [ó xugo]. Ver RETRIZA 1 /10865. (Feás-A).
11083 **sunxir** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (XLF5(120)).
11084 **xoncer** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (AG-AO, Ced., Burón, MGG(L16, L19, L23, L27, L29, L32, A1, A2, A3, A4, A5, A6, A7), Ped1, Ped3, Piquín, Suarna, XER).
11085 **xoncir** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (MGG(LE3)).
11086 **xonguir** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (XLF5(109)).
11087 **xugar** *v.* Ver ENXUGAR 1 /11074. A nosa fonte escribe *jugar*. (JMP).
11088 **xuncer** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (Ibias1).
11089 **xuncir** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. *Cando se xunce unha soia parexa chámase ísto 'xuncir a sinxela'* (Cou3:20). (AG-AO, Ancares, Ancares2, Ced., Cou3, XER, XLF5(145)).
11090 **xuncire** *v.* Ver XUNCIR /11089. (XLF5(146)).
11091 **xunghir** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (MGG(C4, C5, C6, C7, C10, C11, C12, C13, C19, C20, C26, L17, L20, L36, O26, O31)).
11092 **xunguir 1** *v.* Unir [un bovino ou unha parella] por un xugo a un carro ou arado ou aparello similar. (Común: MGG (C1, C3, C4, C8, C9, C10, C12, C14, C15, C18, C20, C23, C25, C26, C28, C36, L2, L3, L4, L5, L6, L7, L8, L9, L10, L11, L12, L14, L15, L18, L22, L24, L26, L28, L31, L34, L35, L36, L38, L39, O1, O2, O5, O6, O7, O8, O10, O11, O13, O14, O15, O16, O18, O19, O20, O21, O22, O23, O25, O27, O28, O29, O30, P1, P2, P7, P8, P10, P11), XLF5 (2, 3, 5, 7, 9, 15, 21, 28, 29, 66, 82, 83, 96, 97, 110, 111, 114, 118, 121, 122, 124, 129, 136, 138, 142, 143, 152, 164, 200, 201).
11093 **xunir** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (Ibias2).
11094 **xunvir** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. A nosa fonte escribe *xunbir*. (Neda).
11095 **xunxir** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (ERG, ERQ, Gud., Gud5, Hermi., Mez., Mez3, MGG(O12, O17, O18, O21, O24, Z1, Z2, Z3), Porto, XER, XLF5(73, 161)).
11096 ***aparexar 1** *v.* Ver APARELLAR 1 /11064. (Cal., Cod., Com1, Dum., Mel1, Mra., San.).
11097 ***uncir** *v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (MGG(LE5)).
11098 **bota-lo xugo** *loc. v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (MGG(C24)).
11099 **ir ó xugo** *loc. v.* Estar xunguido [un animal]. *Amiguiño,/ ¡qué fraco tí estás/ ¿seiqu'estás maliño?/ ¡mira eu que gordo/ en este pradiño,/ comendo n-a herba,/ sin ir ô xuguiño!*. (FM:6).
11100 **pó-lo xugo** *loc. v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (MGG(C27, C33, C37)).
11101 **poñe-lo cancil** *loc. v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (MGG(P17)).
11102 **poñe-lo xugo 1** *loc. v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. (MGG(C2, C13, C17, C21, C25, C29, C32, C34, C38, C39, C40, C43, C45, C46, C47, C48, P3, P4, P5, P6, P9, P13, P14)).
11103 **poñer ó xugo** *loc. v.* Ver XUNGUIR 1 /11092. *No seu sitio poñen ó xugo outra, propia ou pedida a un veciño*. (XRMF4).
11104 **á canga** *loc. adv.* [Xungui-la xugada] ó xugo da canga. Neste caso, o animal fai forza con

todo o corpo. VGR: "En este pueblo uñimos los bueys a la canga". (Aldo., Merca, Parade., Piñei1, VGR).

11105 **a dous atavíos** *loc. adv.* [Xungui-la mesma xugada] unhas veces á canga e outras á molida, por estar adoumada a calquera dos dous sistemas. (Parade.).

11106 **á lora** *loc. adv.* Polo pescozo. Xeito de suxeita-la vaca. Rivas Quintas define así: "Al pescuezo, que se dice de la yunta cuando se unce *á canga*, no con *xugo* que es a la cabeza". Parece entenderse que a *canga* é o que nós chamamos xugo de canga (no que o animal fai a forza co pescozo e os ombreiros) e o *xugo* é o xugo de molida (no que fan a forza cos cornos). (Aldo., Piñei1).

11107 **á molida** *loc. adv.* [Xunguir] ó xugo de molida, de forma que o xugo apoia enriba da cabeza das reses, protexidas a tal fin pola molida. Deste xeito, os animais fan forza coa cabeza. *As parexas tiran todas a molida como en todolos sitios moi crebados. Cando se xunce unha soia parexa chámase ísto 'xuncir a sinxela'*. (Cou3:20).

11108 **á mulida** *loc. adv.* Ver Á MOLIDA /11107. (Pazos, Veiga).

11109 **á sinxela** *loc. adv.* [Xuncir] soamente unha parella. *As parexas tiran todas a molida como en todolos sitios moi crebados. Cando se xunce unha soia parexa chámase ísto 'xuncir a sinxela'* (Cou3:20). (Cou3, LT2).

11110 **á torga** *loc. adv.* [Xunguir] á canga. (Amei., France., Freixo, Illa, Malvas, Nespe., Rabiño, Veiga, VilarM).

11111 **a un atavío** *loc. adv.* [Xunguir] á canga exclusivamente. (Parade.).

11112 **ás mulidas** *loc. adv.* Ver Á MOLIDA /11107. *Xúnguese o gando sempre ó xeito chamado 'ás mulidas', ou sexa, apoiando o xugo enriba da cabeza da res, con intermeio de unha a xeito de almofadiña de coiro, que é a mulida, e atando o xugo ás cornas co timoeiro e a soga. Por riba, e protexendo o atado, van as 'cubertas', feitas de pelica de can ou de teixugo* (Morei.:209). Coidamos que, cando di que se *ata o xugo ás cornas co timoeiro e a soga* está mesturando o atado do xugo á cabezalla (*timoeir*o) e o atado do xugo ás cornas (*soga*), porque, ademais, no xugo cornal non encontramos ningún lugar de Galicia no que digan que atan os cornos cun timoeiro. (Merca, Morei.).

11113 **ó colo** *loc. adv.* [Xunguir] á canga. (Parade.).

9.4.4.2. Suxeita-lo xugo á cabezalla

11114 **achavellar** *v.* Atar [o xugo] á cabezalla do carro. (XLF5(82)).

11115 **anlurier** *v.* Ver ENLURIER /11123. "El *xugo* se sujeta a la *pértiga* o *lanza* del carro y del arado, mediante una clavija (*cravilla*, *clavilla*), llamada *chavella*... y en ella se ata una ancha correa, que es el *loro* en ancarés: *Hay qu'apoñelo loro*, de *lorum*, operación que también se llama *anlurier*". (Ancares2:222).

11116 **apoñer** *v.* Poñer [a xugada] ó carro ou ó arado. "La operación de ponerles el yugo es 'uncir', que en ancarés se dice *xuncir*, pero más frecuentemente *apoñé-las (vacas)*, así como la operación inversa es *desapoñé-las*" (Ancares2:222). (Ancares2, Burón, Cab., Com1, Feás-A, Gun., MGG(L16, L33), Ped1, Piquín, Suarna, XLF, XLF5(7, 9, 92, 142, 159, 164, 168, 177, 193)).

11117 **apor 1** *v.* Suxeitar [o xugo] á cabezalla do carro. CP, Gud5 e XLF5 escriben *apór*. (CP, ERG, ERQ, Gud5, Hermi., Incio, LimiaB, Maía2, MGG(L33), Ver1, XLF, XLF4, XLF5(27, 112, 149, 150, 161, 176, 189, 201)).

11118 **asobear** *v.* Amarrar co sobeo [o xugo] ó carro. (Hermi., XLF5(145)).

11119 **atemoar** *v.* Atar [o xugo] á cabezalla do carro, co temoeiro. (XLF5(143)).

11120 **atumiar** *v.* Ver ATEMOAR /11119. (XLF5(143)).

11121 **enchavellar** *v.* Ver ACHAVELLAR /11114. (XLF5(20)).

11122 **enganchar** *v.* Atar [o xugo] á cabezalla do carro. (MGG(P15, P31), XLF5(28, 126)).

11123 **enlurier** *v.* Xunguir [as vacas], ata-lo loro. *A xugada de bois ou a parella de vacas -actualmente das primeiras coidamos que xa non quede ningunha en todo o val-, vai 'xuncida' ou 'enlurieda' ó xugo, un animal a cada lado, e este á 'pértiga' do carro por unha 'cravilla', arredor da que se ata o 'loro' ou 'subiao', consistente nunha soga de coiro. Para que non se solte, ó final méteselle un pau ou ferro denominado 'prego'. Esta operación coñécese por 'enlurier' o carro*. (Ancares:340).

11125 **timoar** *v.* Ver ATEMOAR /11119. (XLF5(145)).

11126 **apoñe-lo loro** *loc. v.* Poñer [a xugada] ó carro, enlazando o xugo coa cabezalla mediante o loro. *Hay qu'apoñelo loro*. (Ancares2).

11127 **apor ó carro** *loc. v.* Ver APOR 1 /11117. (Hermi.).

11128 **poñer ó carro** *loc. v.* Suxeitar [a xugada ó carro]. *Cando teña ganado bastante merco un xatiño: hei-no de ir criando e despois de criado vendo-o e merco dous pequenos que hei de criar e cando foren grandes poños ô carro, e cando vaia por unha costa arriba*

con que garbo lle hei de berrar: -¡Ei boi, ei! (VD:348). *Chegóu a barca, unha barca grande na que pasaban tamén as bestas e hastra carros coas vacas postas, cargados ou valeiros* (GB2:185). *Había que levalas* [as vacas] *por unha corda todas presas... e dispois poñelas ó carro, e poñelas ó xujo...* (Gome.). MGG: *Poñe-los bois ó carro*. (GB2, Gome., MGG(P18), VD, VS2).

11128b **pór ó carro** *loc. v.* Suxeitar [a xugada ó carro]. (Maía2, XLF5(136, 185)).

9.4.4.3. Bota-lo loro a unha das vacas

Por veces o labrego ten que xunguir animais de diferente volume e forza e vese na necesidade de favorece-lo máis débil. Para isto despraza un pouco no xugo a cabezalla, saltando co loro un dos castelos e con esta operación modifica o brazo da panca co resultado de bota-lo maior peso sobre a res máis forte.

11129 **acorrear** *v.* Achega-lo temoeiro á vaca ou ó boi máis potente da parella. (Mra., Xun.).

11130 **alorar** *v.* Correr un pouco no xugo a cabezalla para bota-lo maior peso sobre a res máis forte da xugada. Preténdese así modifica-lo brazo da panca, correndo un pouco no xugo a cabezalla do carro ou o temón do arado, saltando co loro un dos castelos, para bota-lo meirande peso da carga ou do tiro sobre a res máis forte da xugada. (Foz4,Lagoa).

11131 **olorar** *v.* Ver ALORAR /11130. (Vala.).

11132 **bota-lo loro 1** *loc. v.* Achega-lo loro do centro do xugo cara ó lado [da vaca máis forte da xugada], para alixeirarlle o peso á outra. Tamén se aplica á xente. Valladares escribe *bota-l-o loro* e engade que se aplica tamén ás persoas, cando se fai por cargar máis a quen non se nega ou presenta mellor disposición. (Cur., ERG, MVN).

9.4.4.4. Outras accións relacionadas coa xunguidura

11133 **adoumar** *v.* Afacer [a xugada] a distintos atavíos segundo as necesidades de cada caso, ou a traballar a unha ou dúas mans. (Parade.).

11134 **amearse** *v.* Emprestar [un veciño a outro] a única res que teñen para xunguilas e poderen face-los seus labores. (ERG).

11135 **aparellar 2** *v.* Escoller [dous animais] de similar tamaño, forza etc., para formar unha xugada. (CP, ERG, Xun2).

11136 **axugar 2** *v.* Poñer ó xugo [dous bovinos] da mesma altura para que o xugo non quede máis alto dun lado que do outro. (Cab., Com1, CP, ERG, Feás-A, Laxe, Mel1, Sob., Toba, Vala.).

11137 **axugar 3** *v.* Emprestar [un veciño] a outro [unha res] para facer unha xugada e así poder labrar. (Drago., Simes).

11138 ***aparexar 2** *v.* Ver APARELLAR 2 /11135. *A 'xugada' ha estar ben 'aparexada', ou seia, cada un dos bois ou vacas han ser 'parexos' ou 'aparexar' ben un co outro. Outros aparexannos pra vender na feira* (Parade.:277). (MLP, Parade.).

11139 **adoumar á dereita e á esquerda** *loc. v.* Ver ADOUMAR ÁS DÚAS MAOS /11143. (Parade.).

11140 **adoumar á mao dereita** *loc. v.* Afacer [un bovino] a que o xungan sempre na man dereita do carro ou do arado. (Parade.).

11141 **adoumar á mao esquerda** *loc. v.* Afacer [un bovino] a que o xungan sempre na man esquerda do carro ou do arado. (Parade.).

11142 **adoumar a unha soa mao** *loc. v.* Afacer [un boi ou vaca] a ser xunguido sempre no mesmo lado da xugada. *E 'axugar aos dous atavios' é xunguir a mesma xugada unha vez ao 'xugo da canga' ou 'ao colo' e outra vez ao 'xugo da molida' ou 'da cabeza' e á inversa, por ser 'adoumadas' ou amansadas as xugadas aos dous xugos. Ademais hai quen 'adouma' ou amansa cada boi ou vaca 'a unha soa mao' ou 'ás duas maos', esto é, 'á mao dereita' ou 'á mao esquerda' e 'á dereita' e 'á esquerda'*. (Parade.:277).

11143 **adoumar ás dúas maos** *loc. v.* Afacer [un boi ou unha vaca] á tirar polo carro ou o arado tanto pola man dereita coma pola esquerda. (Parade.).

11144 **andar a torna mal día** *loc. v.* Xuntarse e alternar no labor [dous veciños] que só teñen un boi cada un para formar unha parella. (VGR).

Para os refráns de xunguir á molida véxase a epígrafe 9.4.2.4. *Xugo de molida*.

Igualmente, no capítulo 12, epígrafe 12.2. *Prognósticos meteorolóxicos*, pode atoparse un amplo grupo de refráns que aconsellan xunguir e ir arar atendendo á situación na que aparece o arco da vella ou ó voo de determinadas aves mariñas.

Donde non hai vacas aran os bois, e despois, solta-las vacas e xunxir os bois. (VS)
Moito madruga Xan de Gadella, moito madruga e ben tarde aparella. (ERG:madrugar; XMSH:98) [476]
Moito madruga Xan da Gardela, moito madruga e tarde aparella. (ZM:138)
Muito madruga Xan da Guedella, muito madruga e tarde aparella. (TCha:25) [477]
Xan da Guedella, muito madruga e tarde aparella. (MVN7:123) [478]
Xan das Guedellas, cedo madrugas e tarde aparellas. (Carb-L:201)
O que non ten vaca nin bois nin tampouco ten muller, xungue cando lle dá a gana e ceiba cando quer. (VS) [479]
O que non xungue bois, carro non deborca. (VLLM:1,149) [480]
Se non queres xoncer, bota os bois a pacer. (VS) [481]

O gato do convento [482]

Eu xuncín os meus boixiños
marcheime co eles a arada [483]
e no medio do camiño
acordóuseme a aguillada
tornei e volvín por ela, [484]
topei a porta pechada: [485]
- ¡Ábreme a porta, muller, [486]
que veño pola aguillada. [487]
- ¡Non che abro, meu marido [488]
que che estou moi ocupada. [489]
Fun e abrina como puden
busqueina onde acostumaba: [490]
-¿Qué é aquelo, muller,
que está debaixo da cama? [491]
-É o gato do convento
que vén pra onde a nosa gata [492].
-Dáme a escopeta muller, [493]
Fixen como que apuntaba.
-Non fagas iso, marido
que luxas a miña cara,
que se comes o bon pan
da súa casa mo mandaba [494]
e se bebes o bon viño
el era o que cho pagaba. [495]
-¡Quen te me dera muller [496]
na terra branda enterrada
con cen carriños de estrume [497]
por derriba da túa cara! [498]
-¡Quen te me dera, marido, [499]
no médeo da nosa sala

[476] XMSH comenta que Xan das Guedellas é personificación do home preguiceiro, porque para el o refrán significa o mesmo que o castelán *No por mucho madrugar, amanece más temprano*.
[477] TCha: *xan*.
[478] No texto: *Jan d'a guedella mòito*
[479] Este refrán é un eloxio da pobreza que ten como contrapartida gozar da liberdade e da compaixón allea, que acaba resolvendo os problemas básicos.
[480] Llópiz explica que a todo carreteiro lle dá a volta o carro algunha vez; recólleo en Augas Santas, preto de Allariz. Nótese a colocación das palabras co verbo ó final.
[481] VS: *bot'os bois*.
[482] XP:13-14 (recollido en Valdeorras); AP:45.
[483] No texto: *co-eles a arada*. AP: *marchéime*.
[484] No texto: *tornei. e* (sic). AP: *tornéi*.
[485] AP: *topéi*.
[486] No texto: *porta muller*,.
[487] No texto: *por a*.
[488] No texto: *abro meu marido* (XP).
[489] AP: *estóu*.
[490] AP: *busquéina*.
[491] No texto: *qu'está*.
[492] No texto: *que ven pr'onde o nosa gata* (sic). AP: *ven*.
[493] No texto: *Dame*. AP: *Dame*.
[494] No texto: *sua*.
[495] No texto: *él*. AP: *él*.
[496] No texto: *Quén*. AP: *Quén*.
[497] No texto: *d'estrume*.
[498] No texto: *tua*.
[499] No texto: *Quén te me dera Marido* (sic). AP: *Quén*.

cos peciños amarelos
i a cariña amoratada [500]
i o crego cantando á porta [501].
Eu tocando o meu pandeiro
-canto eu o repinicara- [502]
e dirían os viciños:
¡Que contenta a Mari-Juana! [503]

Madruguei pola mañán cedo, [504]
cediño, de madrugada,
collín o carro e os bois
e funme prá miña arada [505],
e no primeiro reguiño [506]
rompeuse a miña aguillada [507].

Volvín á casa por ela [508]
e estaba a porta cerrada;
por fóra estaba a coitela [509]
por dentro a carabillada.
-Abre a porta, Marianiña,
abre a porta, Mariana,
¿de quen é aquel gato mouro [510]
que saltou pola ventana [511]*?*
- É o gato do señor cura [512]
que vén ver a nosa gata [513]
-Moitas terras levo andadas
desde Sevilla a Granada;
nunca vin gato con cuello
ni con corona rapada. [514]

Urbano Santana [515] recolle en Sandiás a seguinte versión
Era un home, e o cura íballe pra onde a muller [516] e un día pillouno debaixo da cama escondido:

Eu xunguín os meus bois xotos,
e leveinos á arada,
tras daquela porteliña,
esquecéuseme a aguillada [517].
Tornei e volvín por ela,
topei a porta pechada, [518]
Eu entrei e fun entrando,
senteime onde acostumaba [519]
e vin un gato moi negro
que tiña a coroa rapada, [520]
-¿Que é aquelo, miña muller,
que anda debaixo da cama? [521]
-Éche o gato do abade
que anda atrás da nosa gata. [522]
-Inda non vin gato negro
que teña a coroa rapada, [523]
trai pra aiquí esa escopeta;
tirareille unha tirada. [524]
-Non fagas eso, meu home,
que me acendera-la cama [525]
-Quen te me dera muller,
no medio daquela arada [526]

---

[500] No texto: *i-a cariña*.
[501] No texto: *i-o crego, â porta*.
[502] AP: *cánto*.
[503] No texto: *Qué*. AP: *Qué*.
[504] No texto: *Madruguéi, pol-a*. AP: *Madruguéi*.
[505] No texto: *e fume pr'a miña arada*.
[506] No texto: *e n-o*.
[507] No texto: *rompéus'a*. AP: *rompéuse*.
[508] No texto: *â casa*.
[509] No texto: *fora*.
[510] No texto: *quén*. AP: *quén*.
[511] No texto: *saltóu po-la*. AP. *saltóu*.
[512] No texto: *d'o*.
[513] No texto: *ven*. AP: *ven*.
[514] AP: *corea* (sic). JPBIII:227-25, AP:46.
[515] Sandiás:112.
[516] No texto: *pr'onda muller*.
[517] No texto: *d'aquela, esquecéusem'aguillada*.
[518] No texto: *por'ela*
[519] No texto: *ond'acostumbraba*.
[520] No texto: *tiñ'a*.
[521] No texto: *Qu'é, c'anda*.
[522] No texto: *Ech'o, c'and'atrás*.
[523] No texto: *teñ'a*.
[524] No texto: *pr'aiquí, tirareill'unha*.
[525] No texto: *m'acenderal'a cama*.
[526] No texto: *Quén, d'aquel'arada*.

con cen carriños de leña
e outros tantos de retama [527]
-Quen te me dera meu home,
no medio daquela sala [528]
cos pés todos amarillos,
e coa color demudada [529]
e os cregos á porta decindo,
que salga, salga. [530]
O luto que había pór,
era baeta encarnada [531]
e chorar iría chorando,
chorando de mala gana
pra que digan as veciñas
¡como chora!... ¡miña coitada!

E xunguíu os seus boiciños
e levounos prá arada
e no medio do camiño
esquencéuselle a aguillada [532]

Era unha noite de lúa
era unha noite crara;
levantouse Manueliño
pra levar os bois á arada [533].

Erguinme pola mañá
cediño de madrugada;
e collín os bois e o carro
e funme prá miña arada. [534]

Eu collín os meus boíños
e leveinos á arada,
labrei o pirmeiro rego
e crebantouse a aguillada. [535]

Eu fuín a feira de Ourense [536]
i olvidouseme a aguillada [537]
ai sararará morena
ai sararará salada
e no medio do camiño
olvidouseme a aguillada [538]
e din unha media volta
e volvín por ela á casa
e cheguei detrás da porta
e vin a porta zarrada
ábreme a porta muller [539]
que veño pola aguillada
eu a porta non cha abro
que estou facendo a colada [540]
a colada que tu fais
éche co cura na cama
de quen son aqueles ollos
que hai baixo da nosa cama [541]
son do gato do convento
que vén ve-la nosa gata
traime para aiquí a escopeta [542]
que lle hein de rompe-la cara. [543]

Eu xunguín o meu boi louro
fillo da vaca bragada
co meu chingui lingui lín
co meu chinguilín andaba
cheguei a medio camiño
esquenceume da aguillada
ábreme as portas muller [544]
veño en busca da aguillada [545]
co meu chingui lingui lín
co meu chinguilín andaba
dime que é aquela cousa
que está debaixo da cama
é o gato do convento
que anda ca nosa ghata
co meu chingui lingui lín
co meu chinguilín andaba

---

[527] No texto: *y'outros*. Explica que, ó parecer, para queimala.
[528] No texto: *Quén, d'aquela*.
[529] No texto: *pes*.
[530] No texto: *Y'os cregos a porta*.
[531] No texto: *por*.
[532] TCha:20.
[533] TCha:57.
[534] MRV:41. Non hai máis, pero engade en nota que é *comenzo dun romance*.
[535] Muros:41.
[536] No texto: *d'Ourense*.
[537] No texto: *olvidóusem'a*.
[538] No texto: *olvidóusem'a*.
[539] No texto: *ábrem'a*.
[540] No texto: *qu'estou*.
[541] No texto: *qu'hai*.
[542] No texto: *pr'aiquí*.
[543] SCHU1/2/238fbis3. Recollido en Chan de Vilar, Balboa, en 1983.
[544] No texto: *abrem'as*.
[545] No texto: *d'aguillada*.

dame de alí a escopeta [546]
que eu un tiro lle tiraba
tu qué vas facer meu home
que vas a queima-la cama
si a queimo que a queime
si a queimo vai queimada
co meu chingui lingui lín
co meu chinguilín andaba
tu comías o bon pan
do convento vén a grana
tu cálza-la buena media
do convento vén a lana
tu vistes la buena ropa
do convento de Entreporta [547]
co meu chingui lingui lín
co meu chinguilín andaba
quén te me dera muller
no medio da aquela arada [548]
con sete carros de toxos
e ioutros tantos de palla
e tu metida no medio
e eu o lume che plantara
quen te me dera meu home
deitado na miña cama
con sete creghos áporta
decindo que salla salla
i eu fiando nunha roca
chorando de mala gana
pra que viran os veciños
aí vai a viúda honrada. [549]

Eu xunguín os meus boiciños
e leveinos á iarada
e no medio do camiño
se me olvidou a aguillada
dinlle atrás e fun por ela [550]
topei a porta pechada
i abreme a porta María [551]
i abreme a porta malvada [552]
cómo che hei de abri-la porta [553]
se estou faguendo a colada [554]
ia colada que tu fas
iéche remexe-la cama
de quen son aquiles ollos
que están debaixo da cama [555]
son do ghato do convento
que vén pretende-la gata
dáme a escopeta María
dáme a escopeta malvada
dáme a escopeta María
que lle vou tirar unha bala
i o luto que hei de poñer [556]
unha baieta encarnada [557]
para que diga la guente
qué veúda máis honrada. [558]

Eu xunguín os meus boiciños,
fun coiles á arada,
e no medio do camiño
esqueceume a aguillada.
e volvínme á miña porta,
topei a porta cerrada.
-Ábreme a porta, muller,
ábreme a porta malvada.
-¿Como cha hei de abrir a porta,
se estou facendo a colada.
-¿De quen é aquel gato roxo
que está debaixo da cama?
-É o gato dun viciño,
que veu pra onda nosa gata.
-Tráeme acá miña escopeta
a ver si podo tirarlle.
-Non fagas eso, marido,
non me avergonses a cara. [559]

---

[546] No texto: *d'alí a'scopeta*.
[547] No texto: *d'Entreporta*.
[548] No texto: *d'aquel'arada*.
[549] SCHU1/2/238b; recollida en Surbal, Negradas, Vicedo, en 1979. *Vaca bragada* é a que ten pelaxe branca entre as patas de atrás, en contraste coa cor do resto do corpo. E o *chinguilín* representa a menstruación: a muller trata de escorrenta-lo marido outra vez para a arada coa desculpa de que anda co *chinguilín*.
[550] No texto: *dinll'atrás*.
[551] No texto: *abrem'a*.
[552] No texto: *abrem'a*.
[553] No texto: *ch'hei d'abrir*.
[554] No texto: *s'estou*.
[555] No texto: *qu'están*.
[556] No texto: *qu'hei*.
[557] No texto: *baiet'encarnada*.
[558] SCHU1/2/238d; recollida en Sampaio, Piñeiro, Maside, en 1979. No texto: *ghato do convento*, pero *pretende-la gata; guente* (sic).
[559] DBP:1434. Xa publicado en 1877 por Saco y Arce, que afirmaba que *era muy común en la Peroja*. No texto: *Ábrem'a porta, ch'hei d'abrir, s'estou, qu'está, pr'onda, tráem'acá, m'avergonçes.*

Eu xunguín os meus boiciños
ouh miña vida
e funme con eles á arada [560]
'vida del alma'
e no medio do camiño
ou miña vida
olvidóuseme a aghillada [561]
'vida del alma'
deille volta ós meus boiciños [562]
oh miña vida
e volvín por ela á casa
'vida del alma'
i ó chegar ó pé da porta
oh miña vida
estábame a porta pechada [563]
'vida del alma'
ábreme a porta muller [564]
oh miña vida
que volvín pola aguillada
'vida del alma'
eu a porta non cha iabro
oh miña vida
que estou facendo a colada [565]
'vida del alma'
i eu entrei e fun entrando
oh miña vida
senteime onde acostumbraba [566]
'vida del alma'
como tiña os ollor ghrandes [567]
oh miña vida
toda a casa columbiaba [568]
'vida del alma'
qué ié aquelo muller
oh miña vida
que anda debaixo da cama [569]
'vida del alma'
é o ghato do convento
oh miña vida
que anda trar da nosa ghata
'vida del alma'
trai acá aquela espingarda [570]
oh miña vida
que lle hei dar unha chumbada [571]
'vida del alma'
non fagas iso meu home
oh miña vida
que var derramar a cama
'vida del alma'
quén te dera oh meu home
oh miña vida
arriba naquela sala
'vida del alma'
cos peciños amarelos
oh miña vida
i a cariña amortaxada
'vida del alma'
ieu vestidiña de luto
oh miña vida
chorando de mala ghana
'vida del alma'
pra que dighan as veciñas
oh miña vida
cómo chora ela cuitada [572]
'vida del alma' [573]

Eu xunguín os meus boisiños,
e leveinos á arada,
e no medio do camiño
acordouseme a aguillada.
Tornei e volvín por ela,
topei a porta pechada.
-Ábreme a porta, muller,
ábreme a porta malvada.
-Eu a porta non cha abro,
que estou facendo a colada.
Rompín a porta pra dentro,
fun por donde acostumaba,
subín pola escaleira
para coller a aguillada,
vin estar un gato roxo
debaixo da miña cama.
-¿Que é aquelo, muller?

[560] No texto: *co'eles*.
[561] No texto: *olvidousem'a*.
[562] No texto: *volt'ós*.
[563] No texto: *estábam'a*.
[564] No texto: *ábrem'a*.
[565] No texto: *qu'estou*.
[566] No texto: *ond'acostumbraba.*
[567] No texto: *tiñ'os óllor*.
[568] No texto: *tod'a*.
[569] No texto: *qu'anda*.
[570] No texto: *aquel'spingarda.*
[571] No texto: *ll'hei*.
[572] No texto: *chor'ela*.
[573] SCHU1/2/238c; recollida en Arzádegos, Vilardevós, en 1981. No texto: *olvidóusem'a aghillada*, pero *volvín pola aguillada.*

¿Que é aquelo, malvada?
-É o gato do convento,
que anda tras da nosa gata.
Unha machada collín,
fun a ver se o mataba.
-Que fas, meu home, que fas,
que a min me bates na cara? [574]

Feira nova, feira nova,
feira onde acostumaba,
co meu tinguilinguilín [575]*,*
o meu tinguilin levaba.
Trouguen dous xatiños novos
e leveinos á arada
co meu tinguilinguilín,
o meu tinguilin levaba
E no meio do camiño
esquecéuseme a aguillada
co meu tinguilinguilín,
o meu tinguilin levaba.
Volvín por ela á casa
topei a porta pechada
co meu tinguilinguilín,
o meu tinguilin levaba.
-Ábreme a porta, muller,
ábreme a porta, malvada,
co meu tinguilinguilín,
o meu tinguilin levaba.
-Non cha abro, meu marido
que che estou moi ocupada,
co meu tinguilinguilín,
o meu tinguilin levaba.
que che estou fervendo a iauga
para facer a colada
co meu tinguilinguilín,
o meu tinguilin levaba.
Valinme das miñas mañas
e subín pola ventana
co meu tinguilinguilín,
o meu tinguilin levaba.
Vin o gato do convento
coa cabeza rapada
co meu tinguilinguilín,
o meu tinguilin levaba.
-Que é aquelo, muller,
que é aquelo, malvada?
co meu tinguilinguilín,
o meu tinguilin levaba.
-Éche o gato do convento
que veu ver a gata parda
co meu tinguilinguilín,
o meu tinguilin levaba.
-Quen me dera unha escopeta
que unha bala lle tirara
co meu tinguilinguilín,
o meu tinguilin levaba.
-Non fagas eso, marido,
non fagas mal a nadia
co meu tinguilinguilín,
co meu tinguilinguilán. [576]

Fun arar cos meus boíños, [577]
Bimbirimbín! [578]
E partiume a aguillada [579]
Bimbirimbaia!
Volvín a cas buscar outra, [580]
Bimbirimbín!
Topei a porta cerrada
Bimbirimbaia!
- Ábreme as portas, muller, [581]
Bimbirimbín!
Ábreme as portas, Bernalda, [582]
Bimbirimbaia!
¿Cómo che hei de abrir as portas, [583]
Bimbirimbín!
Se estou enferma na cama? [584]
Bimbirimbaia!
¿De quen é aquel gato negro [585]
Bimbirimbín!
Que está debaixo da cama? [586]

---

[574] DBP:305. Xa publicado en 1864 por López de la Vega e recollido en Ponte de Domingo Flórez.

[575] No texto aquí e nos versos sucesivos: *tinguilinguilin.*

[576] Parade.:351. No texto: *levei-nos*. Romance recollido no concello de Paradela, na ribeira do río Loio, afluente do Miño. *Tínguili*, *trínguili* ou *tinguilín* é o tringuileo dos metais e de calquera cousa pendurada, como medalla, pendentes, dixe, perendengues etc., ou de vasos ó chocar.

[577] No texto: *c'os meus boiños.*

[578] No texto sempre: *Bimbirimbin*! e *Bimbirimbaya!*.

[579] No texto: *partium'a*.

[580] No texto: *Volvin a cás*.

[581] No texto: *Abrem'as*.

[582] No texto: *Abrem'as*.

[583] No texto: *ch'ei, d'abrir*.

[584] No texto: *S'estou, n-a*.

[585] No texto: *quén*.

[586] No texto: *qu'está, d'a*.

Bimbirimbaia!
É o gato do viciño [587]
Bimbirimbín!
Que veu pra onda a nosa gata. [588]
Bimbirimbaia!
Se tivera unha escopeta
Bimbirimbín!
¡Qué de lexos lle tirara!
Bimbirimbaia!
Non fagas eso, marido,
Bimbirimbín!
Non me avergónce-la cara [589]
Bimbirimbaia!
¡Quén te me dera, muller,
Bimbirimbín!
Deitada naquela sala! [590]
Bimbirimbaia!
¡Quén te me dera, marido,
Bimbirimbín!
Deitado naquela sala! [591]
Bimbirimbaia!
Con catro frailes á porta
Bimbirimbín!
Dicindo que salga, que salga.
Bimbirimbaia! [592]

Fun a feira do dia sete
A feira que acostumbrada
E a mitá do camiño
Acordóuseme a aguillada.
Peguei a volta pra casa
Topei a porta pechada.
Din duas voltas o redor
E subín pola ventana.
¿Que é aquelo muller
que está debaixo da cama?
E o gato do convento
Que ven pranda nosa gata.
Non vin gato con polainas
E ca cabeza pelada.
Dama a escopeta muller
Pra ver si lle apuntaba.
¡Por Dios cho pido Xuanín,
Non mates o crego en casa,
que a ti che da pra pantalois
Ia min levántame a saya.
Quén te me dera muller
no campiño de Triana
Con dez carriños de leña
Io vento que che soplara.
Quen te me dera, meu home
Verte tendido na cama
Cas canelas amarelas
Ia xente que vaia e vaia. [593]

Fun para feira de Ourense [594]
Olvidóuseme a aguillada [595]
ai sararará morena
ai sararará salada
e din a volta prá casa
e volvín pola aguillada
e cuando cheguein á casa
estaba a porta zarrada
ábreme a porta muller [596]
que veño pola aguillada
eu a porta non cha abro
que estou facendo a colada [597]
a colada que tu fais
éche co cura na cama
de quen son aqueles ollos
que están debaixo da cama
éche o gato do convento [598]
que vén ve-la nosa gata
dáme para aiquí a escopeta [599]
que lle vou torce-la cara
non o fagas maridiño
mira que gasta sotana. [600]

---

[587] No texto: *E o gato, d'o*.
[588] No texto: *pr'ond'a*.
[589] No texto: *m'avergonce-la.*
[590] No texto: *n-aquela*.
[591] No texto: *n-aquela*.
[592] JASA:232. Saco y Arce recolle este romance baixo o título de "A muller falsa", e engade que *Hemos oído cantar este romance a un mozo de Arzúa, quien dijo haberlo aprendido de unos arrieiros de la Ulla, que solían ir allí a vender vino.*
[593] Vald5.
[594] No texto: *d'Ourense*.
[595] No texto: *olvidóusem'a*.
[596] No texto: *abrem'a*.
[597] No texto: *qu'estou*.
[598] No texto: *éch'o*.
[599] No texto: *pr'aiquí a'scopeta*.
[600] SCHU1/2/238fbis1. Recollido en Chan de Vilar, Balboa, en 1983.

Iba prá feira de Ourense [601]
i olvidóuseme a aguillada [602]
ai sararará morena
ai sarará malvada
peguein a rivirivolta
ie volvín pola aguillada
ábreme a porta Sariña [603]
que volvo pola aguillada
a porta non cha podo abrir
que estou facendo a colada [604]
perdinche a revirigonza [605]
ie sobín pola ventana
quén é ese gato negro
que teis debaixo da cama
é o gato da nosa comadre
que vén enda a nosa gata [606]
ese gato negro que teis
que teis debaixo da cama
dáme a escopeta Sariña [607]
que lle von torce-la cara [608]
é o gato da nosa comadre
que vén enda a nosa gata [609]
o gato da túa comadre
iasta sombreiro e sotana. [610]

Iera unha noite de lúa
i unha noite de xeada
levanteime cos boiciños
e marcheime prá arada
e no medio do camiño
esquencéuseme a aguillada [611]
volvín á casa chamando
á miña muller honrada
ábreme a porta muller
ábrema que me esquenceu a aguillada [612]
con el chingo lingo lingo
con el chingo lingo andaba
que ruído parecía
aí ó lado da nosa cama
o gato homiño o gato
que iba vela-la ratada [613]
con el chingo lingo lingo
con el chingo lingo andaba
nunca vin gato con cuello
nin con corona rapada
e collín os meus boiciños
e marcheime prá arada
con el chingo lingo lingo
con el chingo lingo andaba. [614]

Indo para a feira nova,
feira que non acostumbraba,
iba comprar os boíños
esquenceuseme a aguillada;
volvín por ela á casa:
-Abreme a porta, muller,
ábreme a porta, malvada.
-Eu as portas non chas abro
que estou facendo a colada. [615]
Io lunes por a mañá
xungo or bois e vou á arada
i o turululú i o turululú
i o turululú i o turululaina
e no medio do camiño
olvidóuseme a aguillada [616]
i o turululú i o turululú
i o turululú i o turululaina
dade a volta meus boiciños [617]
que volvo por a aguillada
i o turululú i o turululú
i o turululú i o turululaina. [618]

---

[601] No texto: *d'Ourense*.
[602] No texto: *olvidóusem'a*.
[603] No texto: *abrem'a*.
[604] No texto: *qu'estou*.
[605] No texto: *perdínch'a*.
[606] No texto: *end'a*.
[607] No texto: *dam'a'scopeta*.
[608] Sic.
[609] No texto: *end'a*.
[610] SCHU1/2/238fbis2. Recollido en Vilar, Trabadelo en 1983.
[611] No texto: *esquencéusem'a*.
[612] No texto: *m'esquenceu*.
[613] No texto: *qu'iba*.
[614] SCHU1/2/238e. Recollido en Vilares, Piquín, en 1979.
[615] JPBIII:227-23. No texto: *par'a, n'acostumbraba, â casa, ch'as.*
[616] No texto: *olvidousem'a*.
[617] No texto: *dad'a*.
[618] SCHU1/2/238g. Recollido en Portocamba, Castrelo do Val, en 1981.

Levanteime polo lunes,
o lunes pola mañana
e collín os meus boíños,
e leveinos a labrar;
cheguei ó campo con eles,
esquecéuseme a aguillada. [619]
volvín á casa por ela,
topei a porta cerrada.
-Ábreme a porta, muller, [620]
que me esquenceu a aguillada. [621]
-Aguardade máis un pouco
porque estou moi ocupada. [622]
Senteime nunha pedriña
fortuna non me amparaba [623].
Quien te me diera, marido,
tendido en aquella sala,
con las piernas amarillas,
la cara desfigurada,
y yo vestida de luto,
llorando de mala gana,
y los vecinos que digan:
"Ahí llora la cautivada"
y los curas a la puerta
diciendo "que salga, salga". [624]

Madruguei pola mañán cedo, [625]
cediño, de madrugada,
collín o carro e os bois
e funme prá miña arada [626],
e no primeiro reguiño [627]
rompeuse a miña aguillada [628].
Volvín á casa por ela [629]
e estaba a porta cerrada;
por fóra estaba a coitela [630]
por dentro a carabillada.
-Abre a porta, Marianiña,
abre a porta, Mariana,
¿de quén é aquel gato mouro
que saltou pola ventana [631]*?*
- É o gato do señor cura [632]
que vén ver a nosa gata [633]
-Moitas terras levo andadas
desde Sevilla a Granada;
nunca vin gato con cuello
ni con corona rapada. [634]

Márchate de casa Xuan
Colle os bois e vaite á arada [635]
trailara laila laila laila
trailara laila laila la
eu collín os meus boiciños
e marcheime á arada
trailara ...
no medio do camiño
olvidóuseme a aguillada [636]
trailara ...
cuando me cheguein á casa
estábame a porta pechada [637]
trailara ...
ábreme a porta muller [638]
que veño pola aguillada
trailara ...
cuando me entrein en casa
estábame a mesa moi preparada [639]
trailara ...
púxenme a comer na mesa [640]

---

[619] No texto: *esquencéusem'a*.
[620] No texto: *Ábrem'a*.
[621] No texto: *m'esquenceu*.
[622] No texto: *porqu'estou*.
[623] No texto: *m'amparaba*.
[624] DBP:1434b. Xa publicado en 1877 por Saco y Arce.
[625] No texto: *Madruguéi*, *pol-a*.
[626] No texto: *e fume pr'a miña arada.*
[627] No texto: *e n-o*.
[628] No texto: *rompéus'a.*
[629] No texto: *â casa*.
[630] No texto: *fora*.
[631] No texto: *saltóu po-la*.
[632] No texto: *d'o*.
[633] No texto: *ven ver a*.
[634] JPBIII:227-25.
[635] No texto: *coll'os, vait'á*.
[636] No texto: *olvidóusem'a*.
[637] No texto: *estábam'a*.
[638] No texto: *abrem'a*.
[639] No texto: *estábam'a*.
[640] No texto: *púxenm'a*.

como sen non fora nada
trailara ...
(qué é aquelo que está debaixo da cama)
é o gato do taberneiro
que vén para onda a nosa gata [641]
trailara ...
traime a escopeta muller [642]
e traima ben preparada
que vou matar ese gato
que está debaixo da cama
non o mates tu meu home
que é moi bon prá nosa casa
a ti dáche pantalois
i a min levántame a saia [643]
i ós nenos dáballe perras
pra que non dixesen nada. [644]

Pola mañá, moi cediño,
cediño, de madrugada,
pillei o arado e os bois
e marcheime prá arada. [645]

Ua mañá levanteime
ua mañá de xeada
si ai non miña vida
'vida del alma'
collín os bois e as vacas
e marchein pá labrada
ia no medio do camiño
acordeime da aghillada
ábreme a porta muller [646]
que volvo por la aguillada
ieu a porta nõ cha abro [647]
que che tou moi acupada
'vida del alma'
eu por fin subín de gatas
e entrein pola ventana
vin a mesa preparada
púxenme a comere nela [648]
como se non fora nada
qué é aquelo que reloce
debaixo da nosa cama
é o gato do señor cura
que vén pola nosa gata
traime a escopeta muller [649]
e traima ben preparada
por Dios cho pido marido
nõ mate-lo cura en casa [650]
dá cuartos a nosos fillos
i a min levántame a saia. [651]
Ua mañá levanteime
ai si si non miña vida
'vida del alma'
collín os bois e as vacas
ai si si non miña vida
e marchein pá labrada
'vida del alma'. [652]

Xunguín os meus louriños
e leveinos á arada
e no medio do camiño
esquencéuseme a aguillada.
Volvín a casa por ela
i estaba a porta pechada:
- Ábreme a porta, muller [653]
ábreme a porta, malvada.
- Como cha hei de abrir [654]
si estou facendo a colada. [655]
-Qué é aquelo que reloce
debaixo daquela cama?
... ... [656]

Barulleiros da montaña
vós en qué pasái-lo día
en comer papas de xuio

---

641 No texto: *pr'ond'a*.
642 No texto: *traim'a'scopeta*.
643 No texto: *levántam'a*.
644 SCHU1/2/238a. Recollido en Celavente, O Bolo, en 1981.
645 Capela.:238. No texto: *pra*, *marchéime*.
646 No texto: *abrem'a*.
647 No texto: *ch'abro*.
648 No texto: *púxenm'a*.
649 No texto: *traim'a'scopeta*.
650 No texto: *cura'n*.
651 No texto: *levántam'a*.
652 SCHU1/2/238f. Recollido en Teixedo, Pereda, Candín, en 1980.
653 No texto: *Abreme*.
654 No texto: *Cómo*.
655 No texto: *estóu*.
656 Morei:389-390. O texto é máis longo e en Morei. figura completo.

en xunguir bois á molida
tero tero tero [657]

Cando poño os bois ao carro
sempre digo ¡Dios mediante!
e o carro sube a Costa
¡ei marelo para adiante! [658]

Cando poño os bois no carro,
sempre digo "¡Dios diante!";
met'os pola cuadra adiante,
"¡ei, boi, ei!, pra diante". [659]

Cando poño os bois ó carro
sempre digo "¡Dios delante!";
cando chego á corredoira
"¡Ei, Moreno, para diante!". [660]

Cando poño os bois ó carro
sempre digo: "¡Dios delante!"
Coa aguillada na man,
"¡anda, gallardo, pra diante!". [661]

Cando poño os bois ó carro
sempre digo: "¡Dios delante!"
Nosa Señora me axude!
"¡Eih, moreno, para diante!". [662]

Cando xungo os bois ó carro,
sempre digo "¡Dios diante!".
Cando chego á carreteira
"¡Ei, moreno, tira avante!". [663]

Casa conmigo meniña
que che teño moita vida
téñoche o carro ferrado
xúngoche os bois á molida. [664]

Cásate conmigo nena
que che teño moita vida
téñoche o carro ferrado
xúngoche os bois á molida. [665]

De Pesadoira a Cornado
rapazas de Pesadoira
ponte marela ó carro. [666]

Eu pidinllo a unha nena,
ela dixo: "ven catalo;
vente pola mañá cedo,
xungue os bois e trae o carro". [667]

Nunca vin lebre xunguida
nin coello na arada;
déixate andar polo mundo
que has vir ó rego sin vara. [668]

Nunca vin lebres ó carro
nin coellos a labrar;
as mulleres entre os homes
son moi malas de gardar. [669]

Nunca vin lebres ó xugo
nin coellos ó arado;
as mulleres entre os homes
é gando moi mal gardado. [670]

Nunca vin lebres ó xugo
nin coellos ó arado;
as mulleres entre os homes
son un gando mal gardado. [671]

---

[657] SCHU1/2/350. No texto: *qué, pasái-lo*. Cos nomes de *xuio* ou *xoio*, entre moitos outros, coñécense diversas herbas gramíneas do xénero *Lolium*, entre elas excelentes herbas pratenses, moi apetecibles ó gando, como a herba de Vigo, ou herbas velenosas, como a cizaña ou tarela (*L. temulentum*). Esta última crece entre o trigo e pode contamina-la fariña que se faga co cereal cunha substancia tóxica que produce un fungo que acompaña normalmente ó xoio (a temulina), e que produce vertixes, mareos e vómitos; razón pola que a esta planta se lle chama en castelán *borrachera*.

[658] XLRG:63.

[659] VS. Saco recólleo como refrán.

[660] JPBIII:148.15; XLF3:54, localízao en Ourense. No texto: *ô carro, â corredoira, Éi, moreno* (JPB); *ao carro, Eih, mereno* (sic) (XLF3).

[661] XLF3:54. Localízao en Melide. No texto: *mán*.

[662] XLF3:54. Localízao en Fonfría. No texto: *Eih moreno*.

[663] VLLM:1,138. No texto: *â; ¡ei moreno! tira avante*. Recólleo, como refrán, de E. Ribadeneira en Limodre (Pontedeume).

[664] SCHU6/2/1734a. No texto: *téñoch'o, xúngoch'os*.

[665] SCHU6/2/1734b. No texto: *téñoch'o, xúngoch'or.*

[666] SCHU4/2/517a. O informante é da Serra de Outes; os lugares que cita son do concello estremeiro de Negreira: Pesadoira, da parroquia de Alvite; e O Cornado, da de Bugallido.

[667] Capela.:20. No texto: *xunge*.

[668] VS dá esta cantiga coma un refrán. Carb-L:47. No texto: *por o* (VS, Carb-L), *qu'has* (VS).

[669] VD:307. No texto: *ô carro, antros homes*.

[670] XAB2:49, VD:307. No texto: *antre* (XAB2); *ô xugo, ô arado, antre* (VD).

[671] MVN:661. No texto: *ao xugo, coenllos ao arado*.

Nunca vin lebres ó xugo
nin conexos ó arado
as mulleres entre os homes
éche ghando mal ghardado. [672]

Nunca vin lebres ó xugo
nin conexos ó arado;
os mociños que hai agora
teñen a mosca no rabo. [673]

O Campo de Badernado.
Unha fala, duas falas:
-"¡Ponte, Marela, no carro!". [674]
Sei cantar e sei bailar,
sei toca-lo pareado;
son filla dun labrador,
sei poñe-los bois ó carro. [675]

Son filla dun labrador,
sei poñe-los bois ó carro;
se me rompe a chavella,
vírolla do outro lado. [676]

Son filla dun labradore,
sei poñe-los bois ó carro ,
se non lle topo a chavella
poñereille a do arado. [677]

Son fillo de labrador,
sei poñer os bois ao carro.
Se lle rompe o chavelleiro
víroo do outro lado. [678]

Son fillo de labrador,
sei poñer os bois ó carro.
Séntate acó, compañeiro,
botaremos un cigarro. [679]

Se Dios quere [680]

Era un matrimonio, e díxolle un día o home [681] á muller:

- *Mañá hei de ir cepar leña*.

- *Se Dios quere* –díxolle a muller.

- *Queira, non queira, eu hei de ir*.

Ao día seguinte marchou [682] prá leña, pero, ao saltar unha parede, caeo e rompeo unha perna, e, ao pouco tempo, pasou [683] por alí un veciño, e díxolle:

- *Dille á miña muller que xunga as vacas se Dios quere, que as poña no carro se Dios quere, e que veña por min se Dios quere*.

9.4.5. Segunda xugada

Cando a dificultade da arada ou a carga eran excesivas, engadíase unha segunda xugada, ou aínda máis: no caso do arado do vesadoiro son 4 xugadas (A. Liste) ou 7-8 pares de bois (FMS) (véxase a epígrafe 9.5. na que se describe este tipo de arado). Con todo debe de terse en conta que por *primeira xugada* enténdese non a que vai diante de todo, senón a orixinal e principal, a que vai unida á cabezalla do carro ou do arado.

Como é natural, esta ou estas xugadas suplementarias van diante, cando se trata de tirar polo arado ou cando hai que axudar a subir unha costa; pola contra, estas xugadas colócanse detrás, ó recadén, cando nunha costa abaixo cómpre axudar a frea-lo desprazamento do carro.

Xa vimos atrás que a primeira xugada ten nome propio; pero hai máis denominacións para as xugadas suplementarias.

---

[672] SCHU1/2/237. No texto: *entr'os*.
[673] MRV:53.
[674] Muros.
[675] MRV:41.
[676] MRV:41.
[677] SCHU1/2/234. No texto: *poñereill'a*.
[678] XLRG:62. No texto: *chaveleiro*.
[679] Capela.: *séi*, *ao*.
[680] FINGOI: 177.
[681] No texto: *a home* (sic).
[682] No texto: *marchóu*.
[683] No texto: *pasóu*.

9.4.5.1. Para aumenta-lo tiro

11145 **abordelo** *s.m.* Ver BORDELO 1 /11147. (XLF5(12, 37, 43, 44)).

11146 **asolada 1** *s.f.* Ver SOL 2 /11160. (XLF5(186)).

11147 **bordelo 1** *s.m.* Segunda xugada que se lle pon ó carro cando ten que levar moito peso ou vai por unha costa moi empinada. (Cab., Ced., ERG, Feás-A, MLP, Vala., XLF, XLF5(2, 6, 15, 25, 29, 30, 32, 35, 41, 44)).

11148 **bugaría** *s.f.* Segunda xugada que se engade ó carro en caso de necesidade. *Cando nunha operación de carga non é suficiente cunha parella de bois o que se fai é 'asoliñar' ou 'ensoliñar', isto é, engadirlles outra 'bugaría' ou parella, a xeito de reforzo* (LG:26.04.1998). A información que identificamos como AO (Aníbal Otero) procede da súa *Contribución al diccionario gallego* publicada en Galaxia en 1967 pero advertimos que a localiza en Ourondo, Covilhâ (Portugal). (AO, LG).

11149 **burdelo** *s.m.* Ver BORDELO 1 /11147. (XLF5(36)).

11150 **camboeiro** *s.m.* Ver CAMBÓN 4 /12018. (XLF5(73)).

11151 **cambón 4** *s.m.* Segunda xugada coa que se encambona un carro. (Irixo, XLF5(109, 199, 200)).

11152 **coarta** *s.f.* Ver CUARTA /11153. (XLF5(143, 145)).

11153 **cuarta** *s.f.* Segunda xugada que axuda a tirar polo carro. *Cando unha xugada non pode sola coa cárrega, acuártase con outra: a 'cuarta', que se antepón á que tira da cabezalla do carro* (Friei.:216). "Debido a la accidentada topografía de Ancares, a veces en *camiñus (ia camíns) costos* es preciso el refuerzo de una yunta supletoria o de auxilio: es la *cuarta* que se une con una cadena ... al cabezón (*pezoeira*) o a una *argola* del cabezón" (Ancares2:238). No caso de que esta segunda xugada se enganche na parte traseira, para frea-lo carro, o mesmo informante dálle o nome de *recuarta*, e á operación de engancha-la *cuarta* chámaa *acuartar*, do mesmo xeito que engancha-la *recuarta* é *recuartar*. (Ancares2, Friei., Gud5, Parade., Porto, XLF5(73)).

11154 **ensoliñada 1** *s.f.* Conxunto formado pola xugada que normalmente tira do carro máis aquela que reforza o tiro cando é necesario. Rivas Quintas dálle categoría de substantivo, mentres que o recolle como adxectivo para referirse á xugada á que se axuda: "Ensoliñada: f. Yunta que *ensoliña* juntamente con la que que es *ensoliñada* o ayudada". (Forc1).

11155 **gabita 2** *s.f.* Segunda xugada coa que se reforza a primeira que tira polo carro ou arado. (ERQ3).

11156 **gambón** *s.m.* Ver GABITA 2 /11155. (ERQ3).

11157 **recadén 2** *s.m.* Segunda parella que se pon para tirar do carro cando se mete nalgún mal paso ou ten que subir algunha costa. XLF5 especifica con claridade que *recadén* é nuns sitios o tiro suplementario dianteiro (para saca-lo carro dun trollo ou para subir unha costa) e noutros é un tiro traseiro (para impedir que nunha costa abaixo o carro se bote enriba da xugada que vai diante e esta non poida contelo). (XLF5(41, 42, 73, 76, 77, 87, 174)).

11158 **retén** *s.m.* Ver RECADÉN 2 /11157. (XLF5(36, 44)).

11159 **salada** *s.f.* Ver SOL 2 /11160. (XLF5(149)).

11160 **sol 2** *s. Ú. m. en pl.* Segunda xugada que se lle pon por veces a un carro cando hai que ir por lugares costeiros ou a carga é grande. As nosas fontes recollen a forma de plural *soles*. O xénero feminino de *sol* con este significado está rexistrado en Dum., Laxe, Meda, Mel1 e San. O xénero masculino rexístrao Rivas Quintas en Barb. (s.v. *sol*) e ERG (s.v. *soles*) pero Antón Santamarina no seu *Diccionario de Diccionarios* s.v. *soles* indica, no caso de ERG: "Posiblemente erro por s. f. pl.". Outras fontes non indican xénero ningún: así, XLF5 s.v. *sol* XLF5 (58,185), s.v. *sole* XLF5 (22, 24, 60, 122, 129) e s.v. *soles* XLF5 (20, 23, 27, 38, 45, 52, 59, 63, 91, 92, 118, 121, 161). Tampouco o recurso ós derivados é definitivo. Son femininos os derivados sinónimos *soliña* (que Rivas Quintas rexistra en Taba.) e outros coma *asolada*, *salada*, *sola*, *solada* e *soleada*. Pero a vara, corda ou cadea que une estas dúas xugadas chámase maioritariamente *soliño*, en masculino. (Barb., Dum., ERG, JCP, Laxe, Meda, Mel1, San., XLF5(20, 23, 27, 38, 45, 52, 58, 59, 63, 91, 92, 118, 121, 161, 185)).

11161 **sola 2** *s.f.* Ver SOL 2 /11160. (XLF5(167)).

11162 **solada** *s.f.* Ver SOL 2 /11160. (XLF5(114)).

11163 **sole** *s.* Ver SOL 2 /11160. (XLF5(22, 24, 60, 122, 129)).

11164 **soleada 2** *s.f.* Ver SOL 2 /11160. (Com1, XLF5(71)).

11165 **soliña** *s.f.* Ver SOL 2 /11160. (Taba.).

11166 **tamoncela 2** *s.f.* Ver GABITA 2 /11155. (Ver1, Vil.).

11167 **tira** *s.f.* Segunda xugada. (XLF5(159)).

11168 **tronco 1** *s.m.* Segunda xugada. (Dum.).

11169 **xol** *s. Ú. m. en pl.* Ver SOL 2 /11160. Xaquín Lorenzo recólleo en sing., *xol*, e mais en pl. *xoles*. (XLF5(158)).

11170 **xuntura 2** *s.f.* Ver SOL 2 /11160. (XLF5(156)).

11171 ***parexa 2** *s.f.* Ver BORDELO 1 /11147. (XLF5(150)).

11172 **xugada das soles** *s.comp.f.* Segunda xugada que se engade, cando o carro leva moita carga, para axudar á que vai no couce. (Parade.).

11173 ***parexa da gabita** *s.comp.f.* Ver BORDELO 1 /11147. (XLF5(43, 55, 77, 87)).

11174 **ensoliñada 2** *adx.* [Xugada] que é axudada por

outra en lugares costentos ou cando a carga é de máis para ela. Ver ENSOLIÑADA 1 /11154. (Forc1).

11175 **ir á cabeceira** *loc. v.* Ir [unha xugada] na dianteira cando se xunguen dúas xugadas á vez no mesmo carro. A segunda *vai no couce*. (Parade.).

11176 **ir ás soles** *loc. v.* Ver IR Á CABECEIRA /11175. (Parade.).

Ti es asemellado ó meu boi gallardo: corno por tras, ventas e todo. (VS) [684]

9.4.5.2. Para frea-lo carro

11177 **arrecadén 1** *s.m.* Ver RECADÉN 1 /11180. (Suarna).

11179 **recadel** *s.m.* Ver RECADÉN 1 /11180. (Suarna).

11180 **recadén 1** *s.m.* Xugada que ás veces se pon tralo carro, cando ten que baixar unha costa para axudar a frear. Algunhas das nosas fontes recollían *vacas do recadén*. (CP, ERQ, Hermi., Lan., Mez, Mez3, Mon., Mra., Suarna, Ver1, XER).

11181 **recuarta** *s.f.* Segunda xugada que se coloca tralo carro e axuda a frear nas baixadas. *Despois atrás póñese úa argola, porque com'eiquí son os camíus muy costos ia pra poñelle úa recuarta, úa parexa atrás qu'os frene, ía'ngancha n'argola que chamámoslle a argola pra recuartar, pra qu'as axude ía non baixe tanto deprisa o carro*. (Ancares2:239).

11182 **retranca** *s.f.* Xugada que se pon tralo carro para frear nos descensos de moito desnivel. (Ver1).

11183 **a recadén** *loc. adv.* Atrás, na parte traseira. *Na bara da Serra os carros levan unha xugada a recadén*. (VMedo).

9.4.6. Poñe-la segunda xugada

9.4.6.1. Para aumenta-lo tiro

11184 **acamboa** *s.f.* Acción e efecto de acamboar. (Xun2).

11178 **couce 2** *s.m.* Segunda xugada, colocada na parte posterior do carro, e que soporta o peso do carro cando se abordela. (Feás-A, Laxe, Mel1, San.).

11185 **abordelar 1** *v.* Reforzar en casos difíciles [a xugada] con outra xugada máis. (Burón, Cab., Cod., DRAG, ERG, Feás-A, Gui., LCA1, MLP, Piquín, Suarna, Vala.).

11186 **acamboar** *v.* Engadir unha segunda xugada [ó carro] cando se precisa subir por un camiño moi costento. (Carte5, Celano., ERG, Pes., XLF5(96, 164, 179, 188, 189, 201), Xun2).

11187 **acoartar** *v.* Ver ACUARTAR /11189. (XLF5(143)).

11188 **acortear** *v.* Acorta-lo tiro para poñer unha segunda xugada. *Acortea la cuarta*. (VGR).

11189 **acuartar** *v.* Axudar cunha segunda xugada de reforzo. *Cando unha xugada non pode sola coa cárrega, acuártase con outra: a 'cuarta', que se antepón á que tira da cabezalla do carro* (Friei.:216). "Debido a la accidentada topografía de Ancares, a veces en *camiñus (ia camíns) costos* es preciso el refuerzo de una yunta supletoria o de auxilio: es la *cuarta* que se une con una cadena (a veces con un palo) al cabezón (*pezoeira*) o a una *argola* del cabezón. Esta operación, si es para ayudar a subir al carro (y entonces va por delante) se llama *acuartar*, pero si es para frenar en las bajadas, y entonces se engancha por detrás, es *recuartar*" (Ancares2:238). (Ancares2, Friei., LP).

11190 **acuartear** *v.* Ver ACUARTAR /11189. (Hermi., VGR).

11191 **acuartiar** *v.* Ver ACUARTAR /11189. (Hermi.).

11192 **agabitar** *v.* Poñer ó carro unha segunda xugada utilizando unha *gabita* (Burón, Piquín, Suarna).

11193 **asobar 1** *v.* Ver ABORDELAR 1 /11185. (CP, DRAG, ERG, MVN).

11194 **asolar** *v.* Ver SOLEAR /11209. (XLF5(176, 186, 193)).

11195 **asolear** *v.* Ver SOLEAR /11209. (Marín, Mel1, XLF5(177)).

11196 **asoliñar** *v.* Ver ENSOLIÑAR /11205. *Cando nunha operación de carga non é suficiente cunha parella de bois o que se fai é 'asoliñar' ou 'ensoliñar', isto é, engadirlles outra 'bugaría' ou parella, a xeito de reforzo* (LG:26.04.1998). (Fara1, LG, NRam2, XLF5(104)).

11197 **atimoar** *v.* Poñe-la timoa e a segunda xugada [a un carro]. (ERG, Lan., Parade., XLF5(111, 123)).

11198 **axuntar 2** *v.* Ver ACAMBOAR /11186. (LG).

11199 **bordelar** *v.* Poñerlle a segunda xugada, *bordelo*, [ó carro], cando a primeira non rexe a carga. Eladio Rodríguez (s.v. *peito*) conta o que segue: "*Peito bordel* o *peito burdelo*, pecho tributo de

[684] VS comenta: *Desplante para deshacerse del contrincante a quien el dicente aupa con lo de 'corno por tras', según le lleva cuando la yunta va uncida, el buey de mayor fuerza.*

cincuenta doncellas nobles y cincuenta plebeyas que Mauregato (783-789), rey de León, Asturias y Galicia, se obligó a dar anualmente al rey de Córdoba. Hay quienes afirman que este tributo no existió y es obra de la fantasía o de la leyenda. Los que dan crédito a ésta dicen que cerca de Las Traviesas, lugar próximo a Betanzos, había una antigua cueva y un sitio llamado *Peito burdel*, donde se cuenta que se reunían las cien doncellas, pero todo ello es realmente fantástico. A juicio de varios investigadores, el nombre de *peito bordel* no tiene la significación que sirvió para inventar la leyenda, pues *bordel*, del verbo *bordelar*, es lo mismo que *solear*, o sea poner segunda yunta a la que va tirando de un carro para ayudarla a vencer alguna cuesta. Esta servidumbre, que todvía [sic] subsiste entre nuestros campesinos, debió utilizarse para levantar o reparar la torre, que por eso se llamó de *peito bordel*, pecho de ayuda, dando lugar después a que el *bordel* gallego se tomase por el *burdel* castellano, de donde sin duda viene la falsa tradición". Noutro punto (s.v. *bordel*) insiste nesta segunda versión e completa a explicación: "Respecto a esta última acep. [*bordel* co significado de *burdel*, "casa de prostitución"] que figura en el DRAG, dice Carré Aldao (*Geografía del Reino de Galicia. Provincia de La Coruña*), que el vocablo gallego *bordel* proviene del verbo *bordelar*, que equivale a poner segunda yunta a un carro, tan excesivamente cargado, que necesita ayuda. Esta servidumbre aún subsiste entre nuestros campesinos y debió ser la que motivó que la construcción o reparación de la Torre de Sarandós se llamase de *peito bordel* (pecho de ayuda), y tomando luego el *bordel* gallego por el burdel castellano, vino la falsa tradición del tributo de las cien doncellas que eran encerradas en la torre. Conviene advertir, además, que en la parroquia de Sarandós, perteneciente al Ayuntamiento de Abegondo, hay la aldea de Bordel, con 239 almas". Isto non evita que nun tercer lugar (s.v. *betanceiro*) pareza acepta-la tradición do trabuco das doncelas: "En el lugar de Valdoncel, según la tradición cuenta, se rescató por heroísmo el legendario tributo de las cien doncellas en la torre de *Peito Bordel*, parroquia de Sarandones [sic], Ayuntamiento de Abegondo" . (CP, ERG, MLP).

11200 **camboar** *v.* Ver ACAMBOAR /11186. (LG).

11201 **cuartar** *v.* Ver ACUARTAR /11189. (Ancares).

11202 **encambonar 1** *v.* Poñe-la segunda xugada [ó carro]. (Irixo).

11203 **engabichar** *v.* Ver AGABITAR /11192. (Piquín).

11204 **engabitar** *v.* Ver AGABITAR /11192. (Piquín).

11205 **ensoliñar** *v.* Colocarlle unha segunda xugada [ó carro] cando a carga é de máis para unha, por veces só nas costas. (Forc1, LG, XLF5(105)).

11206 **gabitar** *v.* Ver AGABITAR /11192. (Per.).

11207 **rebelar 2** *v.* Engadir [unha xugada] a outra cando a primeira non pode coa carga. Podería ser unha metátese por *relevar*. Pero en Melide dise *rebela-los ollos* ("poñelos en branco") e, polo tanto, hai que pensar na *rebelión* da xugada que non pode coa carga e que obriga o gandeiro a buscarlle axuda ou substitución. (Vala.).

11208 **solar** *v.* Ver SOLEAR /11209. (Lemos2, Meda, Parade., XLF5(185)).

11209 **solear** *v.* Engadir [unha xugada a outra] para reforza-la tracción dun carro moi cargado por camiños costeiros. [Os carros] *van pol-o regular, c'unha xugada soila, máis âs veces compre axudar con outra que se prende d'un soliño. Â operación de porlle outra xugada ô carro chaman 'solear'* (Mel2:399). (Dum., ERG, Fri., Laxe, Mel1, Mel2, Nove., Pantón, Razo, San., XLF, XLF5(19, 20, 21, 22, 24, 38, 46, 48, 49, 58, 59, 60, 62, 71, 79, 82, 83, 101, 102, 114, 115, 118, 121, 125, 147, 159, 162, 167, 168)).

11210 **soliar** *v.* Ver SOLEAR /11209. (XLF5(66)).

11211 **sulear** *v.* Ver SOLEAR /11209. (XLF5(126)).

11212 **suliare** *v.* Ver SOLEAR /11209. (Corz).

11213 **suliñar** *v.* Ver SOLEAR /11209. (CP, Sob., XLF5(104, 115)).

11214 **temoncelar** *v.* Ver SOLEAR /11209. (VS2(Sober)).

11215 **dar cambón** *loc. v.* Poñer unha segunda (ou terceira) xugada [ó carro]. (DRAG, ERG, LT2).

11216 **ir ao couce** *loc. v.* Ver IR NO COUCE /11217. (Parade.).

11217 **ir no couce** *loc. v.* Ir [unha xugada] en segundo lugar cando se xunguen dúas á vez no mesmo carro. A primeira *vai á cabeceira*. (Parade.).

11218 **poñer cambón** *loc. v.* Poñerlle unha segunda xugada [ó carro] para o tiro. (Xun.).

Catro bois nun carro ben tiran pra arriba e millor tiran pra abaixo. (ERG:boi)

Catro bois nun carro, se ben turran pra arriba, millor turran pra abaixo. (ERG:carro; Xinzo2 ; XLF3:62) [685]

¿Onde irá o boi que non acamboe? (ERQ1:12) [686]

[685] No texto: *baixo* (XLF3); *mellor, para* (Xinzo2); Xaquín Lorenzo lembra o paralelo *Costa abaixo todolos santos axudan*.

[686] ERQ: *ónde*, sen signos de interrogación. Rivas Quintas explica que *acamboar* é *dar encuarte, tirar del encuarte una yunta supletoria*.

9.4.6.2. Para frea-lo carro

11219 **arrecadar 2** *v.* Poñerlle [ó carro] unha segunda xugada na parte traseira cando vai cargado, é dicir, poñerlle o recadén. (CP, Lan., Mra., Ped1).

11221 **galgar** *v.* Frear [o carro] cunha segunda xugada na traseira. *Jalja o carro que é moito pra baixo*. (Leiro).

11222 **recuartar** *v.* Colocar unha segunda xugada na parte posterior [do carro] para frear no descenso dos camiños costentos. "Debido a la accidentada topografía de Ancares, a veces en *camiñus (ia camíns) costos* es preciso el refuerzo de una yunta supletoria o de auxilio: es la *cuarta* que se une con una cadena (a veces con un palo) al cabezón (*pezoeira*) o a una *argola* del cabezón. Esta operación, si es para ayudar a subir al carro (y entonces va por delante) se llama *acuartar*, pero si es para frenar en las bajadas, y entonces se engancha por detrás, es *recuartar*". (Ancares2:238).

9.4.7. Desxunguir

Rematado o traballo de tirar polo carro, o arado ou a grade, céibanse os bois e as vacas, tírandolles de riba do pescozo ou dos cornos o xugo que os unía.

11223 **ceibar 3** *v.* Desxunguir, desaparellar [os animais]. Eladio Rodríguez recolle do P. Sarmiento (*Onomástico de la lengua gallega*) as seguintes explicacións: "Este verbo [...] significa propiamente enviar los ganados, v. gr. los bueyes, a algún sitio fresco, ameno y húmedo para que allí pasten, después que los soltaron del arado, del carro o de otro trabajo que padecieron a la inclemencia de la luz y del sol. Así dicen: *Rapaz, ceiba os bois*". (Burón, Cab., Carte5, Ced., Com1, Dum., ERG, Gro1, Gui., Gun., MGG(C5, C6, C7, C26, C32, C34, C36, C40, C49, L10, L13, L16, L17, L22, L27, L28, L29, L30, L31, O3, O26, O31, P1, P5, P8, P10, P11, A1, A3, A5, A6, LE2, LE3, LE4), Oirós, Ped1, Sob., Suarna).

11224 **desamecer 2** *v.* Desxunguir [a xugada]. (Palas2).

11225 **desaparellar** *v.* Desxunguir [a xugada]. (Fri., MGG(P30)).

11226 **desapear** *v.* Desxunguir, quitarlle os *apeares* [á xugada]. (Piquín).

11227 **desapeazar** *v.* Desxunguir, quitarlle as *apeazas* [á xugada]. (Piquín).

11228 **desapiallar** *v.* Desxunguir, quitarlle as *piallas* [á xugada]. (Fri.).

11229 **desapoñer** *v.* Ver DESAPARELLAR /11225. "La operación de ponerles el yugo es 'uncir', que en ancarés se dice *xuncir*, pero más frecuentemente *apoñé-las (vacas)*, así como la operación inversa es *desapoñé-las*" (Ancares2:222). (Ancares2, Burón, Gun., MGG(L16), Ped., Suarna).

11230 **desapor** *v.* Ver DESAPARELLAR /11225. (MGG(P19), Mra.).

11231 **desatrelar** *v.* Desxunguir [unha vaca] do xugo para que poida descansar. (LG).

11232 **desaxugar** *v.* Ver DESXUNGUIR /11241. (ERG, MGG(C3, C42, P22)).

11233 **descabelar** *v.* Ver DESAPARELLAR /11225. (Pantón).

11234 **descangar** *v.* Desxunguir, quitarlle a canga [ós bois]. (ERG, MGG(P20, P23, P26, P27, P28, P29, P30, P32, P33)).

11235 **desenganchar** *v.* Ver DESXUNGUIR /11241. (MGG(L6, P31)).

11236 **desenxugar** *v. Ú. t. c. prnl.* Desxunguir. (ERG, MGG(P21)).

11237 **desoltar** *v.* Ver SOLTAR 1 /11248. (Laxe, MGG).

11238 **despiallar** *v.* Ver DESAPIALLAR /11228. (ERG).

11239 **destrelar** *v.* Ver DESATRELAR /11231. (LG).

11240 **desxugar** *v. Ú. t. c. prnl.* Ver DESXUNGUIR /11241. ERG dáo tamén como reflexivo (*desxugarse*). MVN escribe *desjugar*. (ERG, MGG, MVN, XFV2).

11241 **desxunguir** *v.* Quitárlle-lo xugo [ás vacas]. (Común).

11242 **dexoncer** *v.* Ver DESXUNGUIR /11241. (MGG(L32, A2, A3, A4, A7)).

11243 **dexuncir** *v.* Ver DEXUNGUIR /11241. *Chegaron á casa antre lusque e fusque, coma se dí por eiquí. Namentras o pai dexuncía os bois, o pequerrecho foi buscala chave ó molexón* (Cou3:129). (Cou3, MGG(L9, L16, L25, L37, O9, LE1)).

11244 **dexunguir** *v.* Ver DESXUNGUIR /11241. (MGG(C1, C3, C4, C6, C7, C8, C9, C10, C14, L1, L2, L3, L4, L5, L7, L8, L9, L11, L12, L15, L18, L26, L34, L35, L36, L38, L39, O1, O2, O5, O6, O10, O15, P2), Per., Piquín, Vala., Velle1).

11245 **largar** *v.* Ver DESXUNGUIR /11241. (LCA1, MGG).

11246 **quitar 2** *v.* Desxunguir [as vacas]. (MGG(C49)).

11247 **sacar 1** *v.* Ver DESXUNGUIR /11241. (MGG (Cabalar, 168; Razo, 97)).

11248 **soltar 1** *v.* Ver DESXUNGUIR /11241. (Com1, Goián, Gud., MGG(C18, C23, L10, L23, O2, O4, O7, O8, O11, O12, O13, O14, O15, O16, O17, O18, O20, O21, O22, O23, O24, O26, O27, O28, O29, O30, P12, P17, A1, LE1, Z1, Z2, Z3), Mra., Porto).

11249 ***desaparexar** *v.* Ver DESAPARELLAR /11225. (Cal.).

11250 ***desemparexar** *v.* Ver DESAPARELLAR /11225. (MGG, Vil.).
11251 ***desuncir** *v.* Ver DESXUNGUIR /11241. (MGG(LE5)).
11252 **quita-lo xugo** *loc. v.* Desxunguir [as vacas]. En MGG(L19) *quitar el xugo*. (MGG(C2, C10, C12, C13, C17, C19, C20, C26, C29, C31, C38, C39, C40, C41, C43, C46, C47, C48, O9, P5, P6, P9, P13, P14)).
11253 **saca-la canga** *loc. v.* Desxunguir [as vacas]. En MGG(O19), *sacarlle a canga*. (MGG(O19, P25)).
11254 **saca-lo xugo** *loc. v.* Desxunguir [as vacas]. (MGG(C5, C11, C13, C15, C21, C24, C25, C27, C29, C33, C38, L14, L20, L24, P3, P4, P15, P16)).
11255 **sacar do carro** *loc. v.* Desxunguir [os bois]. MGG recolle *saca-los bois do carro*. (MGG(P18)).
11256 **safar do arado** *loc. v.* Desxunguir [os bois] do arado para que descansen. (VLLM).
11257 **solta-la xentura** *loc. v.* Desxunguir [os animais]. (MGG(O25)).
11258 **soltar do xugo** *loc. v.* Desxunguir [as vacas]. (MGG(C28)).

Como veremos máis adiante, no apartado 12.2. *Prognósticos meteorolóxicos*, agrupámo-los refráns que instan ó labrego a desxunguir e recollerse en función da posición en que aparece o arco da vella ou a dirección que toman as aves mariñas.

Ao boi ampeado, sáfallo do arado. (VLLM:1,128) [687]
Ó boi que non poida arar, deixalo apastar. (UCA2:49; ERG:boi; VS) [688]
Boi ceiba, mais anda ti ás beiras. (VLLM:1,133) [689]
Boi ceiba pero onde ti o vexas. (VLLM:1,133) [690]
Bois ceiba, mais á túa beira. (VLLM:1,133) [691]
Boi ceibe ben que se lambe. (VLLM:1,133) [692]
Boi ceibe ben se lambe/ de seu se lambe. (VLLM:1,133) [693]
Boi ceibe lámbese como quere. (VLLM:1,133) [694]
Boi ceibo de seu se lambe. (Vala.; VS) [695]
Boi que está solto anda ben lambido. (VLLM:1,133) [696]
Boi solto ben se lambe. (RdC:284) [697]
Boi solto de seu se delambe (VLLM:1,135)
Boi solto de seu se lambe. (Lourei2; Grou; Salc2; Rib3; XTC4; Gud.) [698]
Boi solto lámbese todo. (VLLM:1,133; ACC) [699]
O boi ceibe ben se lambe/delambe. (VLLM:1,133; IBA) [700]

---

[687] Este refrán di Llópiz que o recolleu da *Zootecnia vet*. publicada en Lugo por Rof Codina. *Safar do arado* significa *desuncir a los bueyes del yugo del arado para que descansen y se repongan*.

[688] No texto: *O boi, poda* (UCA2).

[689] Llópiz: *Boi ceiva, mais...anda tí âs beiras*; recólleo en Santigoso de S.A.

[690] Llópiz: *Bois* (incompatible co posterior pronome *o*), *ceivas*; recólleo en Sarria de J.M. Agromayor.

[691] Llópiz: *Bois ceiva, mais ... â tua veira*; recólleo de Uxío das Pardocas (Betanzos 1906).

[692] Llópiz: *ceive*; recólleo de Pérez Placer. Ademais das numerosas variantes que recollimos, tamén existe en castelán (*El buey suelto bien se lame*) e en catalán (*Bou solt se llapa tot*). Unha particularidade común do gando vacún, mantido en condicións naturais, é a de lamberse con frecuencia eles mesmos e uns ós outros, fundamentalmente con fins de limpeza pero no que tamén inflúe a existencia de sal no pelo destes animais. Ás veces, este comportamento trae como consecuencia que acaben enchendo a panza de pelos que forman unha bóla compacta que tecnicamente se coñece co nome de tricobezoar.

[693] Llópiz: *ceive*; recólleo de E. Carré, pero a forma que nós atopamos neste é diferente.

[694] Llópiz: *ceive*; recólleo en Monterroso de M. Villarente e sinala que cadra co cat. *Bou solt se llapa como vol*.

[695] Vala: *do seu.* VS: *lame.* Dise dos solteiros.

[696] Llópiz cita a A. J. Pereira.

[697] Rosalía de Castro no seu *Conto Gallego* (RdC2:284-294) di:
- ¡Lourenzo!, debías casarte, que ó fin o tempo vai andando, os anos corren, e un probe dun home faise vello e cóbrese de pelos brancos antes de que poida ter manta na cama, e aforrar pra unha ocasión; e esto, Lourenzo, non se fai sin muller que teña man da casa e garde o diñeiro que un gana.
- Boi solto, ben se lambe.
- ¡Ó vento!, ésas sonche faladurías. Ó derradeiro, ¿pra qué os homes naceron si non é pra axuntarse cas mulleres, fillo da túa nai?
Na E. Espasa coméntase que este refrán *denota lo apreciable y grato que es ser libre*.

[698] Dise da persoa que non depende de ninguén.

[699] Llópiz: *ceive*; cita a R. Bluteau. ACC: *lambe-se*, e explica: *A liberdade de movementos e de acción é sempre maior naqueles que non están atados a unha persoa, ou a unha profesión, compromisos ou suxeitos a horarios*.

[700] Llópiz: *ceive*; recólleo de López Ferreiro *A tecedeira de Bonaval*, pero realmente nesa obra di *Boi solto, de seu se delambe* (ed. Xerais p. 95). Esta imprecisión é típica das citas de Llópiz; curiosamente, ademais, o refrán tal como aparece na obra de López Ferreiro teno Llópiz co n. 137 e non cita alí a este autor. IBA só dá a forma *lambe*. Tamén existe en Asturias: *El boi ceibe ben se lambe* (XBG:481).

O boi ceibo ben se lambe. (ERG:boi; DRAG; MC:92; VS) [701]
O boi ceibo de seu se lambe. (VS)
O boi, de seu se lambe. (Gud5:89)
O boi na súa corte de seu se delambe. (Carte.) [702]
O boi que anda solto ben se delambe. (VLLM:1,147)
O boi que está solto, anda ben lambido/delambido. (VLLM:1,147) [703]
O boi solto ben se lambe. (ANV6:135; UCA2:49; Baiona3; RC:121; ZM:163; VS) [704]
O boi solto, de seu se lambe. (ERG:boi; XTC4; UCA2:49; EAG:22; JASA2:389; JASA3:225; XERCG:422; VS) [705]
Vaca ceiba de seu se delambe. (VS)
Boi solto de seu se desata. (XLF2:23)
Cando oias a bubela, deixa os bois e colle a gavela. (ERG:bubela; XLF2:26) [706]
Donde non hai vacas aran os bois, e despois, solta-las vacas e xunxir os bois. (VS)
Polo san Lucas alza o boi da suca, mata o porco e tapa a cuba. (NevesC)
Polo san Lucas, deixas de arar e asucas. (Gud5:105)
Polo san Lucas saca os bois da asuca en Camba e en Dozón, en Monterroso aínda non. (Antas4) [707]
Polo san Mateu sementa ti e sementarei eu; polo San Miguel semente quen poider; e polo San Luca saca o boi da asuca, en Chantada e Argozón, que en Camba e Deza, inda non (VS) [708]
Polo san Lucas solta os bois e os porcos e tapa as cubas. (XAB1:40) [709]
Polo san Lucas solta os bois, mata os porcos e tapa as cubas. (ERG:San Lucas)
Por San Lucas alza o boi da suca, mata o porco e tapa a cuba. (VIÑO:54; JASA:344; XTC4; XAB1:40; FBB:230) [710]
Polo santo Tomé ceiba os bois e vén. (VLLM:1,151) [711]

Arco da vella ó raiante,
anda, anda, boi, pra diante;
arco da vella ó poniente
ceiba a parexa e vente. [712]

Boa vida é casado
pero millor é solteiro,
que o boi solto no potreiro
come millor que amarrado. [713]

Gustar, gústasme ás moreas
pero tocante a casarme
miña nai sabe un refrán:
"O boi solto ben se lambe". [714]

Millor que a vida de solteiro
non che é a de casado;
o boi solto no potreiro
come millor que amarrado. [715]

---

[701] Denota que nada hai máis apreciable cá liberdade.

[702] Ben está. Significado distinto dos semellantes *O boi solto ben se delambe*, porque aquí o que explica ese benestar é o estar no propio territorio.

[703] Llópiz recólleo de *Cousas d'a aldea* de Aureliano J. Pereira. Véxase o texto completo en 16.2. *O boy solto...*

[704] No texto: *lame* (Baiona); *solo, lame* (VS). Non nos parece segura esta anotación de VS. Cabanillas recolle este refrán formando parte da seguinte cantiga: *Gustar, gústasme ás moreas/ pero tocante a casarme/ miña nai sabe un refrán:/ 'O boi solto ben se lambe'.*

[705] Taboada Chivite dinos que algúns engaden: *millor se lame un ó outro*; no texto: *lame*.

[706] No texto: *culle, gabela* (XLF2). A bubela (*Upupa epops*) é ave migratoria común en toda Galicia. Chega coa primavera, a primeiros de marzo, e marcha a pasa-lo inverno en África no outubro, e a súas idas e vindas indican ó agricultor *paxareiro* o momento oportuno de facer certas labouras no campo: *Cando canta a bubela, a faba na terra*, *Cando canta a bubela, millo á terra* (XTC4) ou *Cando canta a bubela, amaña todo prá sega* (ERG:bubela). Pero tamén cómpre axexa-la presenza doutras aves migratorias: *Cando o cuco cucar i a rula rular, culle o sachiño e vai sementar* (XLF2:26) ou *Cando a ruliña veña a rular, colle o millo e vai sementar* (Mel2:466).

[707] O informante explica que a *asuca* se refire á bota do pan, que hai que facela antes en Camba e en Dozón ca en Monterroso, por seren aquelas terras máis ruíns e máis frías.

[708] Noutra versión VS di *e semente eu; y Aragón, que en Camba e Deza non.*

[709] Estraña esta forma *solta os bois e os porcos* que só atopamos neste refrán. Outros paralelos, incluso do mesmo colector, aconsellan tal data para *solta-los bois e mata-los porcos*.

[710] No texto: *Luca* (VIÑO); *d'a sulca* (JASA); *Por San Luca* (FBB).

[711] No texto: *Pol-o*, *vén*. Llópiz explica que o refrán se refire ó san Tomé apóstolo, 21 de decembro, cando xa non queda por facer ningún traballo agrícola que requira o uso dos bois e, ademais, achéganse as festas do nadal. Recólleo en Ferreira do Valadouro de J. Pernas.

[712] Carb-L:43.

[713] VS. No texto: *qu'o boi, qu'amarrado*. VS(13025) dáo como refrán pero tamén ten aire de cantiga.

[714] RC:121.

[715] Carb-L:67.

9.4.7.1. Desxungui-la segunda xugada

11259 **desatimoar** *v.* Quita-la timoa e a segunda xugada. (ERG).

11260 **desbordelar** *v.* Quita-lo bordelo ou segunda xugada. (ERG).

9.4.8. Chama-lo gando

A operación de dirixi-lo movemento do gando cara a onde se quere levar denomínase *chama-lo gando.* Pero nese *chama-lo gando* conflúen varios significados complementarios: dirixirse a el con palabras ou voces (é dicir, literalmente *chamalo*), conducilo tirando pola corda atada ós cornos na dirección que se quere que vaia, e, cando é especialmente rebelde, estimulalo cunhas vareadas ou mesmo picándoo co aguillón. Cando o gando xa está domeado, moitas veces o gandeiro simplemente vai andando diante coa aguillada na man ou apoiada no xugo. E, cando o gando xa está afeito a ese traballo e sabe o camiño, vai de seu e o que o chama vai andando a par del ou detrás ou mesmo de pé no carro: nestes casos dise que o gando vai *anteposto*.

Unha xugada mansa e capaz de arar sen facer falta chamalas, e levar o carro indo o dono atrás ou montado no carro. Xa e máis difícil o de agradar sen un que as chame (vaia diante)

Do gando anteposto xa falamos na epígrafe 9.4.3. (voces 11036 e ss.), falaremos en 9.4.8.1. e veremos dous relatos: un na epígrafe 9.12; e outro será o penúltimo relato do capítulo 14.

Separámo-las voces en dous grupos: chama-lo gando e estimula-lo gando, querendo distingui-la simple condución do gando daquela outra situación na que se fai preciso usa-la xostra ou a aguillada con ou sen ferrete. As vareadas e a picada co aguillón por veces non veñen motivadas pola rebeldía do animal, senón que son un estímulo en situacións difíciles nas que o gando vai vencido por unha carga excesiva ou porque está canso ou é moi vello.

11261 **aboiar 4** *v.* Estimular [o gando] para que ande. As nosas fontes (Arca, Cruído, Medín) escriben *aboyar*. (Arca, Cruído, Lim6, Medín, Parade., Piquín, Xun2).

11262 **acarear** *v.* Ver CAREAR /11275. (ERG).

11263 **acariñar** *v.* Estimular [o gando]. (Mour1, Xeve).

11264 **afalallar** *v.* Ver AFALAR /11265. (Com1, Oroso2).

11265 **afalar** *v.* Estimular [o gando] co aguillón e con palabras para que ande ou turre con máis forza do carro. *Mingas, dempois de xantar, botou o gado da corte e vai cara á chousa, afalando a cinco vacas de leite, catro xatos e dous bois de traballo, que dá xenio velos* (JRL2:40). Tamén presta ler en 16.2. o poema *Cousas de vellos* de Aureliano J. Pereira. Pre. rexistra esta voz con e paragóxico *afalare*. (Común).

11266 **agurrar** *v.* Estimular [o gando] con voces e berros para que se esforce máis. (ERG).

11267 **amenar** *v.* Estimular [o gando]. (Vill-O).

11268 **apurrar** *v.* Estimular [o gando]. (Aranga).

11269 **arrear 1** *v.* Estimular [o gando]. As nosas fontes escriben *arrear* e *arrear ao jando*. (Gud5, Negral, Tabor.).

11270 **arriar** *v.* Ver ARREAR 1 /11269. (Ancares2).

11271 **axudar** *v.* Estimular [o gando]. A nosa fonte escribe *axudarlle*. (Guil2).

11272 **berrar 3** *v.* Estimular [o gando]. A nosa fonte escribe *berrarlles*. (Arzón, SComba).

11273 **boiar** *v.* Falarlle [ós bois] para que anden. (ERG).

11274 **bourallar** *v.* Estimular [o gando]. (Valad2).

11275 **carear** *v.* Levar [o gando] cara a algunha parte. (ERG).

11276 **cordear 2** *v.* Obedecer ben [o gando] á corda. (Dum., Feás-A, Laxe, Mel1, Nove., Razo, Vil.).

11277 **chamar 1** *v.* Guiar [o gando]. *Os nenos chamaban o gando e escorrentaban as labandeiras que papaban a semente* (XNV:95). *Na volta do Penadoiro, Sabela non tivo o acerto de chamare ben as vacas* (AR:338). (Común).

11278 **chamar 2** *v.* Ver AFALAR /11265. *Pra chamaren ás vacas cando van xunguidas e pra tanguelas cando se levan soltas dun lado pra outro, díselles tan soio: 'Ei vaca ven' ou desiñándoas nominalmente: 'Ei Marela ven' ou 'Ei Cereixa ven'* (Velle1:140). *Tamén acontece que nas aldeas os rapaces fanse necesarios dende o momento que poden facer o máis cativo traballo: [...], ter unha vaca pola corda, [...] chamar ás vacas na labra, e por ahí adiante* (GB2:58). *...e pois tamén cando éramos pequenos aí andábamos sembrando e chamando nas vacas para arar e cainzar, pra bota-lo trigho e mailo millo* (Laraxe2). *... despois había que carja-las patacas a cestas, apañalas e cas vacas, un chama-las vacas e outro arar...* (Gome). (Cerd2, ERG, GB2, Gome., Gro1, Gud., Hermi., Laraxe2, Vcova., Velle1).

11279 **dar** *v.* Estimular [o gando]. (Alla2).

11280 **empurrar** *v.* Ver APURRAR /11268. (Enxames).

11281 **entepoñer** *v.* Poñer [as vacas] en camiño e deixalas ir en por si, ceibas. (TCha).

11282 **falar 1** *v.* Ver AFALAR /11265. *Fiz íballe falando aos bois* (LCA4). *Feito esto, falou ás vacas e fixo por ver ó Fiuncho i-o Canivelo* (GB1:62). A nosa fonte en Cunt2 escribe *falarlle á vaca*; e en Teo e Verdu., *falarlle ao jando*. (Abe., Caa., Cab., Cunt2, ERG, GB1, GB2, Laxe, LCA4, Lendo, Miñor2, Mra., Ortoño, PCal2, Sober2, Sofán, Teo, Verdu., Vilar, Vmaior., Xun.).

11283 **mandar 3** *v.* Estimular [o gando]. (Neves2).

11284 **chamar da corda** *loc. v.* Ver CHAMAR POLA CORDA /11285. (XVP2).

11285 **chamar pola corda** *loc. v.* Guiar [a xugada] na arada con dianteira, levándoa pola trela cando os animais non están adoitos a seren xunguidos. (Parade., XVP2).

11286 **leva-lo gando** *loc. v.* Conducir [o gando], chamalo. Xun2 escribe *ghado*. *Un rapaz moi limpiño que come pantrigo, bebe leite con café e non se ten que erguer cedo pra levar o gando a pacer* (XNV:29). (XNV, Xun2).

11287 **á corda** *loc. adv.* [Levar unha res] controlada por unha corda. *Neste intre pasaba Manoliño, coa vaca á corda*. (MC:41).

11288 **á mancorda** *loc. adv.* [Guiar unha res ou xugada] levando na man a corda que se lle amarra ós cornos. ERG realmente dá esta palabra como subst. e como "Modo de conducir una res o una yunta cogiendo con la mano la cuerda que se le amarra a los cuernos, o se le ata a una pata". (ERG).

Ver en12.2. *Prognósticos meteorolóxicos*: *Arco da vella a levante...* e variantes.

Afalando ás vacas, sácase avante a xugada. (VLLM:1,127)
Afalando aos bois, ándase camiño. (VLLM:1,127) [716]
Andada, máis fai afalando que a guillada. (VLLM:1,127) [717]
Ao boi de boa andada, máis lle fai afalando que coa aguillada. (VLLM:1,128) [718]
Ao boi de moito andar, pouco se ten que afalar. (VLLM:1,128) [719]
Con pequena aguillada non se guía ben a xugada. (ERG:aguillada)

Fas como as vacas de Galdo
que, sin lles ter que afalar,
levan ou deixan o rego
por un fiíño de la. [720]

9.4.8.1. Chama-lo carro

Do reparto social do traballo na Galicia tradicional, entre homes e mulleres e entre adultos, nenos e vellos xa falamos en 7.3.2. Centrándonos no traballo co carro vemos que chama-lo gando que tira do carro é unha actividade que con frecuencia podían face-los nenos. Vese en moitas fotografías vellas pero hai tamén unha anécdota histórica que conta persoa tan pouco crédula como o P. Feixoo. Tratando de establece-la idade dese prodixio de lonxevidade que foi o cambadés Xan do Outeiro, di que morreu en 1726 pero que lembraba que, de pequeno, chamara os bois que carrexaban a pedra para a construción da igrexa de San Francisco de Cambados. E, sabendo que esa igrexa se inaugurara en 1588 e considerando que tiña que ter seis ou oito anos para poder lembrar ese detalle, di que saen os 146 anos de vida. (FEIXOO: tomo 1, discurso 12:2,6-7; 243-244).

[716] Llópiz cita o paralelo inglés *Step after stop the ladder is ascended* (Paso a paso, súbese a escaleira).

[717] Llópiz di que o recolle de A. Abizanda *(Monografía de La Capela)*. O propio Llópiz noutro lugar dá outro refrán procedente da mesma fonte e do que este parece ser unha parte: *Ao boi de boa andada, mais lle fai afalando que ca aguillada.*

[718] Llópiz: *ca*; di que o recolle de A. Abizanda *(Monografía de La Capela)*.

[719] Llópiz presenta pronome descolocado *pouco ténse*. Recólleo de M. Abizanda (¿A. Abizanda?) e de V. Muñiz (prof. vet., Ferrol 1920), e explica que *afalar ao gado, aos bois, etc. es estimularle con el ademán del aguijón al mismo tiempo que se le dice, ate boi, o bien, tei, tei...*

[720] MLP3:182. Galdo é parroquia de moito gando, en Viveiro. No texto: *Fás com'as vacas*, *lá*.



Chama-lo carro (fotograma do documental *O carro e o home*) (Ver 9.4.10).

11289 **anteposto 2** *adx.* [Carro] que non leva diante a persoa que vai chamando o gando. Tamén se di do carro no que a carga vai pesando sobre a parte dianteira, ou cando vai baleiro. ERG recolle a frase *volveu/veu anteposta* referida á moza que volve soa da festa ou romaría. *Un carro de monllos viña renxendo, anteposto. Detrás, un home e unha muller* (XNV:87). (Común).

11290 **entreposto** *adx.* Ver ANTEPOSTO 2 /11289. *Leva o carro entreposto*, é dicir, lévao diante del, non vai el diante do carro. (Fra.).

11291 **chama-lo carro** *loc. v.* Guia-lo gando que vai tirando polo carro. *Colléu a corda das vacas e botóu a camiñare chamando o carro*. (AR:399).

11292 **leva-lo carro anteposto** *loc. v.* Leva-lo carro diante dun, indo a persoa detrás para arrea-lo gando. (Xun2).

11293 **¡chama adiante!** *fórm.* Fórmula de advertencia que se fai ó que leva un carro cando este está parado no camiño, estorbando o paso. (ERG).

11294 **¡chama dereito!** *fórm.* Fórmula de advertencia que se fai ó que leva un carro para que o guíe con coidado. (ERG).

As maldiciós fanlle/danlle lustre ao boi. (VLLM:1,131) [721]
Cando o carreteiro dá gracias a Dios, mal lle vai aos bois. (VLLM:1,157) [722]
En perigro andan os bois, cando o carreteiro dá gracias a Dios. (VLLM:1,141) [723]
Mal anda o carro, cando o carreteiro lle prega ós santos. (VLLM:1,157) [724]
Mal andan os bois, cando o carreteiro dá gracias a Dios. (VLLM:1,157) [725]
Mal lle vai á parella, cando o carreteiro a Dios se encomenda. (VLLM:1,157)
O que vai no carro, mal afala ós bois. (VLLM:1,149) [726]

O arrieiro de Trasín
ten a tralla colgada;
pra facer andar os bois
cántalles o "vran, vran, vran". [727]

[721] Llópiz recólleo de Gayoso (Begonte, Lugo) e aplícase cando se oen maldicións inxustas ou en boca de necios.
[722] Llópiz: *da*.
[723] Llópiz: *da*; explica que os carreteiros adoitan ser mal falados e blasfemos.
[724] Llópiz: *ándalle, cando prégalle* (sic) que corriximos por ser erros evidentes; recólleo de J. Girgado.
[725] Llópiz: *da*.
[726] Llópiz explica que ós bois hainos que ir estimulando diante deles e só na arada se coloca a aguillada detrás deles; recólleo no Páramo, onda Sarria.
[727] TCha:77. Trasín, lugar da parroquia de Luaces, Pol, Lugo. No texto: *cántanlles*.

9.4.8.2. Voces para chama-lo gando

A creatividade popular produciu numerosas interxeccións e fórmulas para comunicarlle ó gando o que queremos que faga. Aínda que moitas son variedades locais ou case persoais, chama a atención non só o extenso repertorio dunhas e doutras senón tamén a variedade conseguida cos escasos elementos que utiliza: os máis frecuentes, unha interxección ou un imperativo, que, en moitos casos, combinan cun substantivo en función apelativa.

Tamén sorprende o feito de que a maior parte destas palabras ou fórmulas manifestan unha enorme familiaridade co animal e mesmo un evidente afecto. En moitos casos a súa emisión parece remedar algo o son que o animal emite cando brúa.

Dividimos este repertorio en catro apartados en función do obxectivo que pretenden conseguir do animal: voces para chamar (que se achegue ou que camiñe), voces para deter, para facer recuar e outras. Vexamos agora as do primeiro grupo.

Téñase en conta, se se ve un substantivo en maiúscula, que nese caso se está utilizando o nome propio do animal e que pode ser substituído polo propio doutro animal.

Falando deste asunto, presta ler en 16.1. o poema *N-a corredoira* de Manuel Nóvoa Costoya.

11295 **¡ai, miñas velliñas: todas, todas ó rego!** *fórm.* Fórmula para goberna-lo gando mentres ara. (Ctel2).

11296 **¡ala, que vai!** *fórm.* Fórmula para anima-lo gando a camiñar. *A tía María da Veiguiña, que cando subía coa vaca por diante da nosa casa sempre lle dicía, para tanguela, '¡ala, que vai!', unha frase, que por repetida cheguei a memorizar*. (Cañiza3:19).

11297 **¡ala!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Anca, Baíñas, Goián2).

11298 **¡ale, ale!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Fol-LE).

11299 **¡ale, vamos!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Dis.).

11300 **¡anda cá!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Ancares2).

11301 **¡anda, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Borre.).

11302 **¡anda, cucha!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Conxo).

11303 **¡anda, galán!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo boi. (PSeca).

11304 **¡anda, touro!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Borre.).

11305 **¡anda, vaca!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Borre.).

11306 **¡anda, vitelo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. A nosa fonte escribe *¡anda, bitelo!*. (Vrei.).

11307 **¡anda!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Cervá2, Com1, Taboa.).

11308 **¡arrea!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Cast.).

11309 **¡arre, vente!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Negr2).

11310 **¡arre!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (VLLM).

11311 **¡arriba, vai!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Buga-N).

11312 **¡atei!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (VLLM).

11313 **¡auparriba, ala que vai!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Figue1).

11314 **¡au!** *fórm.* Fórmula para animar ó gando a que ande. (Com1).

11315 **¡becerro, acá!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Estr3).

11316 **¡becerro, eiquí!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Baltar).

11317 **¡becerro, vei!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (PCal2).

11318 **¡becerro, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Sabu3).

11319 **¡becerro, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. A nosa fonte escribe *becerro be*. (Laxosa).

11320 **¡becerro!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Arzúa2, MCouso).

11321 **¡beserra!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Vtose).

11322 **¡bicho, bicho!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Sabu2).

11323 **¡bois-pois! ¡bois-pois!** *fórm.* Fórmula para que anden os becerros que aínda non teñen nome propio. (Gud7).

11324 **¡bois, bois, bois!** *fórm.* Fórmula para facer andar os xatos. (LP2).

11325 **¡boix, boix, boixiño, eiquí bois!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. Gud7 di *Boix! Boix! Boixiño...!*. Carr-G dá así a información pero é posible que se trata de dúas fórmulas distintas. (Carr-G, Gud7).

11326 **¡boi, aquí!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Cabal., Parga, Rus, Sofán).

11327 **¡boi, ei!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Busta.).

11328 **¡boi, toma, muu!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Anseán).

11329 **¡boi, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi.

(Gui., Lendo, Samos3, Vixoán).

11330 **¡boi, touma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Piñe.).

11331 **¡boi, to, to!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Arca).

11332 **¡boi, va!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Dúas).

11333 **¡boi, vei!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. A nosa fonte escribe *voi-vey*. (Meira2, PCal2).

11334 **¡boi, ven, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Sabu2).

11335 **¡boi, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. A nosa fonte escribe *voi ven* en VFrore. e Baltar. (Baltar, Cam4, CarbCo., Consta., Fózara, Lagar., Noice., Nove2, Oliv., Oroso2, Peroxa, Sabu3, Sisto, VFrore., Viso2).

11336 **¡boi, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Antas3, Arme., Arroxo, Ben., Cere., Cubi2, Fara., Gaxate, Laiosa, Laxosa, Lendo, Pedro., Penela, Sisto, Veste., Vixoán).

11337 **¡boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Arroxo, Arzúa2, Cast., Dis., Oirán, Vill-O).

11338 **¡bota!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (Taboa.).

11339 **¡bouxiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Mez.).

11340 **¡boux!** *fórm.* Fórmula para chamar polas vacas. (Gud5).

11341 **¡brella!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. Sospeitamos que realmente se refira ás ovellas. (San.).

11342 **¡buche, buche!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro, burro etc. (ERQ, Sabu2).

11343 **¡buchiña, buchiña!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Sabu2).

11344 **¡buchiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Cere., Valad2, Vixoán).

11345 **¡buchi, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Sabu3).

11346 **¡bucho, buchiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (PSil).

11347 **¡bucho, bucho, buchiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Busta.).

11348 **¡bucho, bucho!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Bolo, Fara., Peno.).

11349 **¡bucho, touma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Piñe.).

11350 **¡bucho, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Laiosa, Penela, Veste.).

11351 **¡bucho!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Veste., Vixoán).

11352 **¡Cabano!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome. Estr4: *Cabano...! Jallardo!*. (Cang2, Cang3, Estr4, Guil2, Neves2, Rendal, Valad2, Xeve).

11353 **¡cachorra, toma, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Carño2).

11354 **¡cachorra, ve, toma, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Piñor).

11355 **¡condainada!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Ancares2).

11356 **¡cosch!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Fol-C).

11357 **¡Cuca, Cuca!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Lobe.).

11358 **¡Cuca!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Ortoño).

11359 **¡cuchas!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Vtose.).

11360 **¡cuche, cuchs!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Grixoa).

11361 **¡cuchiño, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Agro., Eixo, Negr2, Ortoño, Vilar).

11362 **¡cuchiño, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Sisto).

11363 **¡cuchiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Bidu., Callo., Calo, Figue2, Pade., Troán1).

11364 **¡cucho eiquí!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (VFrore.).

11365 **¡cucho, cuchiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Ces., Nive., Pre., TapiaC).

11366 **¡cucho, cucho!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Baíñas, Dum., Figue1, Fuxás, Morai., Poulo, Rendal, Rus, Verdía, Vviño).

11367 **¡cucho, to!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Arca.).

11368 **¡cucho, ven, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Cast.).

11369 **¡cucho, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Alla2, Cam4, Cer., Cur., Lendo, Lestón, Noice., Oroso1, Oroso2, Sofán).

11370 **¡cucho!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Lava., SComba).

11371 **¡cuch, cuch, cuch!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Mon.).

11372 **¡cuisiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Consta.).

11373 **¡cuiso!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Barre., Damil, Mira., Zolle).

11374 **¡cuis!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Burgo, Consta.).

11375 **¡cusiño, cus!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Negral).

11376 **¡cusiño, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Negral).

11377 **¡cusiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Negral).

11378 **¡cus, cus!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Negral).

11379 **¡cuxe, aquí!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Parga).

11380 **¡cuxe!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Parga).

11381 **¡cuxín!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Alence, Cubi2).
11382 **¡cuxiño, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Antas3, Gui.).
11383 **¡cuxiño, to!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Medín).
11384 **¡cuxiño, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Lagar., Somo2).
11385 **¡cuxiño, ve... tomá!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. A nosa fonte escribe *be*. (Cunt2).
11386 **¡cuxiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Chan., Negra., Troán1).
11387 **¡cuxi, ve, cuxi, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Codeso.).
11388 **¡cuxi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Negra.).
11389 **¡cuxo, cuxo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Aranga, Beman., Culle., Leir-A, Medín, Pravio).
11390 **¡cuxo, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Oirán).
11391 **¡cuxo, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. A nosa fonte escribe *Cux(o) ven!*. (Car2, Crendes, Cur1, Sende.).
11392 **¡cuxo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Chan., CTui, Fre., Vala1, Xudán1).
11393 **¡cuxu, cuxu!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Xudán1).
11394 **¡cux, cux!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Burela1, Pedro.).
11395 **¡cux, to! ¡cux, to!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. A nosa fonte escribe *cuxtó, cuxtó!*. (Antas3).
11396 **¡cux!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro, as vacas, etc. (Burgo, Camba, Ces., Santi., Somo1, Xeve).
11397 **¡chica, chica!** *fórm.* Fórmula para chama-la becerra que xa vai ó monte. (Xun2).
11398 **¡chico, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Carño2, PSeca).
11399 **¡chico, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. A nosa fonte escribe *chico, be*. (Piñor).
11400 **¡chiquiño, to!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Piñor).
11401 **¡ea!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Com1, Nove.).
11402 **¡eeeh!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Beman.).
11403 **¡eei, eei!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Caban.).
11404 **¡eeyy!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo boi. (Val-LE).
11405 **¡ee!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. Utilízase tamén de forma reiterativa: *¡ee, ee!*. (VGR).
11406 **¡eh, boi, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. A nosa fonte escribe *¡e boy ven!*. (Oroso1).
11407 **¡eh, eh!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Fol-LE).
11408 **¡eh!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Fol-LE).
11409 **¡eia!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (Sob.).
11410 **¡eich!** *fórm.* Ver ¡EI! 1 /11464. (Gud5).
11411 **¡ei, anda!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Melias).
11412 **¡ei, baré, ei, more!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. A nosa fonte escribe: *¡ei baré, ei more*. (Figue1).
11413 **¡ei, becerro, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Estr3).
11414 **¡ei, becerro!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Frei., Gui., Rábade, Rendal, Sende.).
11415 **¡ei, boíño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. DRAG escribe *¡Ey, boiño!*. (DRAG, ERG).
11416 **¡ei, boi, ei!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. *Cando teña ganado bastante merco un xatiño: heino de ir criando e despois de criado vendo-o e merco dous pequenos que hei de criar e cando fosen grandes poños ô carro, e cando vaia por unha costa arriba con que garbo lle hei de berrar: -¡Ei boi, ei!* (VD:348). *Ei, cereixo, ei... cía, marelo... condanado, que perguiceiros estades ¡se vos levara o demo!... Ei, boi, ei ¡Condanado!* (MVR2). (ERG, MVN, MVR2, VD, VLLM, Xun2).
11417 **¡ei, boi, para adiante!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Buga-A).
11418 **¡ei, boi, pra diante!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Fuxás, Grixó, Lampón, Lestón).
11419 **¡ei, boi, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Carbal., Gui., Mira., Sabu2).
11420 **¡ei, boi, ve, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Camba).
11421 **¡ei, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. JCP: *¡Ei, boy!*. (Alla2, Arme., Arzón, Bas., Boi., Carde., Ced., Cervá1, Ces., Consta., Corre., Crendes, Culle., Cur1, Dum., ERG, Gaxate, JCP, Lago, Lañas, Lestón, Mondo2, Negr2, Noice., Parga, Pravio, Rábade, Ribad., Ribe1, Rus, Saiar, Sende., Somo2, Valen., Vcova., Vedra).
11422 **¡ei, cachorro!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Meir.).
11423 **¡ei, careto!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Meir.).
11424 **¡ei, cucho!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Bas., Conxo, Covas, Lañas, Oza).
11425 **¡ei, chico, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Carbal.).
11426 **¡ei, ei, ei, Cereixa, ei!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas polo seu nome. (Vrei.).
11427 **¡ei, ei!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando.

A nosa fonte (Grixoa) escribe *hei, hei*. (Amandi, Antas3, Carr-G, Cerd2, Couso, CTui, Grixoa, Lamas, Troán1).

11428 **¡ei, gallarda!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Rib-E).

11429 **¡ei, gallarda! ¡bo san Xoán vos veña!** *fórm.* Fórmula de ánimo ás vacas que aran no maio. En xuño é a sacha do millo e as vacas descansan. (Ctel2, ER:123).

11430 **¡ei, gallardo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Rib-E, Valad2).

11431 **¡ei, Marela, anda pa diante!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. (Noal).

11432 **¡ei, Marela, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca polo seu nome. A nosa fonte escribe: *ei Marela ven*. (Velle1).

11433 **¡ei, Marela!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. (Covas, Nove2).

11434 **¡ei, Marelo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Conxo, Covas, ERG, Meir.).

11435 **¡ei, Morena!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Car2).

11436 **¡ei, Moreno!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Conxo, Covas, Culle., Leir-A, Neda).

11437 **¡ei, Negra!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Valad1).

11438 **¡ei, ou!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (PSil).

11439 **¡ei, pra diante!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Oza).

11440 **¡ei, puchiño, pa diante!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Saiar).

11441 **¡ei, pucho, sa, pucho!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Casal., Meir.).

11442 **¡ei, roxo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Neda).

11443 **¡ei, sa!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Casal.).

11444 **¡ei, toma acá!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (PSeca).

11445 **¡ei, toura!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Busta.).

11446 **¡ei, vaca, adiante!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Parga).

11447 **¡ei, vaca, anda!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Sabu2).

11448 **¡ei, vaca, aquí!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Suevos).

11449 **¡ei, vaca, eiquí!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (VFrore., Vxoán).

11450 **¡ei, vaca, ei!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Abadín, Alence, Busta., Caa., Cast., Ces., Fre., Lamas, Ribe2, Sabu3, VFrore., Vixoán, VLLM, Xudán1).

11451 **¡ei, vaca, pa diante!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Mondo2).

11452 **¡ei, vaca, para diante!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Medín, Pal.).

11453 **¡ei, vaca, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. Unimos nun mesmo rexistro as diferentes formas que dan as nosas fontes: *¡hey vaca ven!* (Carño2), *ey vaca ven!* (Bas., Boi,. Nive.), *ei vaca ven* (Velle1). (Bas., Boi., Busta., Carbal., Carño2, Covas, Dúas, Negr2, Nive., Oroso1, Pade., Somo2, Vcova., Velle1).

11454 **¡ei, vaca, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. En Cam4: *ve*; nas outras localizacións: *be*. (Cam4, Cere., Ces., Pade., Penela, Rendal).

11455 **¡ei, vaca! 1** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Alla2, Arme., Arzón, Bas., Buga-A, Couce., Covas, Crendes, CTui, Cur1, Estr3, Gui, Lañas, Lous., Morai., Negr2, Nive., Noice., Oroso2, Rábade, Razo, Ribad., Ribe2, Rus, Saiar, TapiaC, Vala1, Valen., Vedra).

11456 **¡ei, vai!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Crendes).

11457 **¡ei, va!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (VLLM).

11458 **¡ei, vermella!** *fórm.* Fórmula para chama-la becerra. A nosa fonte escribe *bermella*. (Rib-E).

11459 **¡ei, Vermello!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Frei., Rib-E).

11460 **¡ei, ve, vamos!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Medín).

11461 **¡ei, ve!** *fórm.* Fórmula para estimula-las vacas. (Dozón).

11462 **¡ei, xuvenca!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Rib-E).

11463 **¡ei, xuvenco!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Rib-E).

11464 **¡ei! 1** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. A nosa fonte (Carr-G, Couso, Lamas, Vrei.) escriben *hei*. (Común).

11465 **¡Gallardo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Culle.).

11466 **¡Ghallarda!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Neda, Pal., Pre., Ribe1).

11467 **¡Ghallardo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Cang2, Cur., Estr4, Fuxás, Leir-A).

11468 **¡ghou! 2** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. A nosa fonte parece escribir *jov*. (Razo).

11469 **¡ía putchi!** *fórm.* Fórmula para chama-los becerros. (Ancares2).

11470 **¡iei vai!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. A nosa fonte escribe *yey vay*. (Buga-N).

11471 **¡Linda!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Figue2).

11472 **¡Louro, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Poulo, Vviño).

11473 **¡Louro!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Cast., Valen.).

11474 **¡Lucero, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Laxosa).

11475 **¡Marela!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Aranga, Beman., Bidu., Calo, Cam4, Cervá1, Culle., Cur., Fuxás, Lava., Leir-A, Lendo, Meir., Pre., Rendal, SComba, Teo, Vmaior).

11476 **¡Marelo, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Figue2, Lucí, Nive., Vviño).

11477 **¡Marelo, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Cur., Ortoño, Vi-Val., Vmaior).

11478 **¡Marelo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Bidu., Calo, Culle., Fuxás, Poulo, Pre., Rendal, Valen.).

11479 **¡mayela!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. (Razo).

11480 **¡me cagho na ió!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. A nosa fonte escribe *¡Me cajo naió!*. (Camba).

11481 **¡Mermeno!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Mour1, Xeve).

11482 **¡me, me, me!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Fózara).

11483 **¡monín, monín!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Val-LE).

11484 **¡Morena!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Aranga, Beman., Cervá1, Culle., Cur., Lava., Leir-A, Lestón).

11485 **¡Moreno, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Poulo).

11486 **¡Moreno!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Bidu., Calo, Car2, Figue1, Figue2, Fuxás, Pade.).

11487 **¡Moura, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Consta.).

11488 **¡Moura!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. Figue2 recolle a forma *¡*Mora!*. (Ctel1, Figue2).

11489 **¡mouto!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Alence).

11490 **¡mou!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (Zamáns).

11491 **¡muuu!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Oliv.).

11492 **¡Navarro!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Alence).

11493 **¡ou, marelo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Pade.).

11494 **¡ou, vaca, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Melias).

11495 **¡ou! 2** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (Com1, Com4, Incio, Mra., Vil., XER).

11496 **¡pandado!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. Supoñemos que se xustifica porque o boi é animal que panda cos traballos máis duros. (Car2).

11497 **¡pasa pa'quí!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Laraxe, Medín).

11498 **¡perico, perico!** *fórm.* Fórmula para chamar polo boi. Úsase tamén para chamar polo castrón (CLam3).

11498b **¡perico, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. Xa vimos que as máis das veces *perico* designa o carneiro, pero o feito é que en Feás e Melide o temos recollido para designa-lo becerro ou o boi novo, e agora en Taboada, como *¡perico, toma!* (así como *¡pirica!*, en Figueiras, Compostela), para chamar polo becerro e dentro dun cuestionario específico para o gando vacún. Para Pintos (JMP) é voz para chamar polo carneiro. (Tab1).

11499 **¡periquiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Culle.).

11500 **¡picho, picho!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Suevos).

11501 **¡Pinta!** *fórm.* Fórmula para chamar por unha vaca polo seu nome. (Guil2).

11502 **¡Pinto!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome. (Randu., Valen.).

11503 **¡pirica!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Figue2).

11504 **¡pisco!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Guil2, Morga.).

11505 **¡poche, poche!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Viso2).

11506 **¡pochiño, pochiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Noalla).

11507 **¡poch, poch!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Viso1).

11508 **¡prica, prica!** *fórm.* Fórmula que se usa para chama-la vaca, aínda que *prica* significa ovella. Ve-lo comentario a ¡PERICO, TOMA! /11498b. (Gorgu.).

11509 **¡pucha, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Cervá1).

11510 **¡puchiño, puchiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Lampón, Pal., Ribe1).

11511 **¡puchiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Arme.).

11512 **¡pucho, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Caa., Cervá2, Lago, Neda, Peroxa, Ribe2).

11513 **¡pucho, ven, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Carr-C, Vi-Val).

11514 **¡puch, puch!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Lous.).

11515 **¡puitiña, toma, puitiña!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Gaxate).

11516 **¡puitiño!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. FMS xa recollía *¡poitiño, poitiño!* como fórmula para chamar polo becerro cando o aloumiñan. (Mra.).

11517 **¡puta que che paríu!** *fórm.* Fórmula para estimula-las vacas. *Ía cuando non poden, dámoslles cuatro leñazos ia cuatro xostradas ia dicimos ¡vacón, puta que che paríu, aforrar*

afórrasche pero subir has de subir anque che parta un rayo! ía pinchémosllas coa aguilleda, ía despois tein que podir. (Ancares2:239).

11518 **¡Raxado!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Car2).

11519 **¡Redonda, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Consta.).

11520 **¡Roxa!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Aranga, Beman., Cam4, Cervá1, Culle., Cur., Lava., Leir-A, Lestón, Meir., Neda, SComba, Vmaior).

11521 **¡Roxo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Culle.).

11522 **¡Rubia!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando polo seu nome propio. (Pre.).

11523 **¡serdo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Vtose.).

11524 **¡techetó, techetó!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Cadrón).

11525 **¡tente ó rego!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando e guialo na arada. *¡Outra volta ainda mais! -Volve, Gallardo; tente ó rego, Cardón*. (JlR:8).

11526 **¡tira, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Corre.).

11527 **¡tira, boi! ¡tira, vaca! ¡tira ghorda pola flaca!** *fórm.* Fórmula rimada para chama-lo gando. (Ctel2,Trazo).

11528 **¡toma qui, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Eixo).

11529 **¡toma (e)iquí!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (Ancares2).

11530 **¡toma, becerro!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Piñei2).

11531 **¡toma, boi, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Bolo, Ced., Peno., Piñei2).

11532 **¡toma, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Couce., Estr4, Suevos, TapiaC).

11533 **¡toma, cucho!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Buga-N, Couce., Negr2).

11534 **¡toma, chico!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Dozón).

11535 **¡toma, chin chin!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Bolo, Peno.).

11536 **¡toma, ei, eh!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Valad1).

11537 **¡toma, gallardiña, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (MCouso).

11538 **¡toma, muuu!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Guil2).

11539 **¡toma, perico, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Carño2).

11540 **¡toma, toma, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Carño2).

11541 **¡toma, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (Caban., Callo., Nive., Sisán, Somo1, Tabor., TapiaC, Verdu.).

11542 **¡toma, toma... marelo, ruzo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Tabor.).

11543 **¡toma, touro!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Piñei2).

11544 **¡toma, vaca, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Bar-Co).

11545 **¡toma, vaca!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Buga-N, Cabal., Couce., Cruído, Eixo, Figue1, Grixoa, Lago, Lampón, Lendo, Lucí, Mon., Noice., Poulo, Pravio, Ribe1, Sofán, Suevos, Teo, Vi-Val).

11546 **¡toma, vei!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Cubi2).

11547 **¡toma, vente!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (Callo.).

11548 **¡toma, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. A nosa fonte escribe *toma, ven, Pinta!* en Carr-C. (Agro., Arzúa2, Carr-C, Corre., CReis2).

11549 **¡toma, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Ben.).

11550 **¡toma, xato!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Mondo2).

11551 **¡toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (Antas3, Barre., Burela1, Caa., Callo., Carr-C, Ced., Com1, Corre., Cruído, Cubi2, Dozón, Estr4, Fol-C, Fre., Goián, Grixó, Grixoa, Incio, Lampón, Medín, Mon., Negral, Pedro., Rama., Santi., Sisán, Suevos, Valad1, Valad2, Vedra, Verdu., Veste).

11552 **¡touba!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Enxames).

11553 **¡touma, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Busta.).

11554 **¡touma, touma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi ou o becerro. (Amandi, Fol-C).

11555 **¡touma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (Agro., Amandi, Vedra).

11556 **¡toura, tomaiquí!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. A nosa fonte escribe *toura tomaiquí*. (Enxames).

11557 **¡touriña!** *fórm.* Fórmula para chama-la becerra. (Morga.).

11558 **¡touriño, toma, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Tabor.).

11559 **¡touriño, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Nove2).

11560 **¡touro, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Oliv.).

11561 **¡to, aquí, xuvenca!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. (ERG).

11562 **¡to, vaca, condanada!** *fórm.* Fórmula para guia-la vaca, apartándoa de onde non queremos que vaia ou facéndoa parar. (RCS).

11563 **¡to, va!** *fórm.* Fórmula para estimula-la xugada. O noso informante escribe *¡tó vá!*. (Ancares2).

11564 **¡to!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. Eladio Rodríguez explica que é interxección "que usan nuestros labradores para guiar

a los bueyes, cuando estos no van por el surco al arar, o llevan mala dirección por el camino. Empléase también para detener una res desmandada, que se quiere capturar o encerrar". *To, marelo*! (TMP:46,1884,3-5). (Burón, ERG, Mra., Piquín, Suarna, TMP,Troán1).

11565 **¡tuxo!** *fórm.* Fórmula para chamar polo becerro. (Meira2, Piquín, Suarna).

11566 **¡uox!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Bar-Co).

11567 **¡vaca, alá!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Baltar).

11568 **¡vaca, aló!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Dum.).

11569 **¡vaca, aquí!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Com4, Lagar., Parga).

11570 **¡vaca, boux!** *fórm.* Fórmula para mandar andar as vacas. A fórmula *¡boux!* ou incluso *¡vaca, boux!* utilízase tamén para reprender ás persoas cando se comportan de forma moi bruta, coma animais. (Punxei.).

11571 **¡vaca, eeh!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. (Chan.).

11572 **¡vaca, eh!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Oirán).

11573 **¡vaca, eiquí!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Baltar, Rus).

11574 **¡vaca, ei!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Vixoán).

11575 **¡vaca, no rego!** *fórm.* Fórmula para guia-la vaca e que non se desvíe. (Ctel2).

11576 **¡vaca, o!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Dis.).

11577 **¡vaca, pa diante!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. (Cam4, Eixo).

11578 **¡vaca, toma ... mu!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Anseán, Lagar, Verdu.).

11579 **¡vaca, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. Por absurdo que pareza, Samos3 responde con esta fórmula á pregunta de "Voces para chama-lo becerro". (Samos3, Vixoán).

11580 **¡vaca, touma!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Piñe.).

11581 **¡vaca, to, vaca, to!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Somo1).

11582 **¡vaca, to! 1** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Antas3, Arca, Arroxo).

11583 **¡vaca, vai!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Arme.).

11584 **¡vaca, veee!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. (Piñe.).

11585 **¡vaca, vei!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Meira2).

11586 **¡vaca, ven, vaca, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (CarbCo., Lagar., Oliv., PCal2, Peroxa, Sisto).

11587 **¡vaca, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Abe., Anca, Baíñas, Caa., Cabal., Cast., Cer., Cervá1, Ces., Codeso., Consta., Cruído, Dum., Estr3, Lago, Macei., Nove2, Oroso2, Oza, Razo, Sabu3, Samos3, Sende., Somo2, Valen., Vilar, Viso1, Viso2, Vviño).

11588 **¡vaca, ve, ei, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. A nosa fonte escribe *vaca be! ey be!*. (Piñor).

11589 **¡vaca, ve, toura!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Pedro., Pre.).

11590 **¡vaca, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. A nosa fonte escribe *vé* sempre non sendo en Sabu3. (Ancares2, Antas3, Arme., Arroxo, Barre., Cere., Chan., CTui, Dis., Dúas, Gaxate, Gui., Laiosa, Laxosa, Penela, Sabu3, Sisán, Verdu., Veste., Vixoán).

11591 **¡vaca, vinde!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Ribó).

11592 **¡vaca!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Vill-O).

11593 **¡vai, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Baíñas).

11594 **¡vamos, vai!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Grixoa).

11595 **¡vamos!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Baíñas, Beman., Boi., Cast., Codeso., Eixo, Nive.).

11596 **¡vaquiña!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Tabor.).

11597 **¡va, pequeniña, va!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. (Bidu., Calo.).

11598 **¡ve aquí, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Gaxate).

11599 **¡ve iquí!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Ancares2).

11600 **¡vei, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. A nosa fonte escribe *vey, toma!*. (Figue1).

11601 **¡vei!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Cubi2).

11602 **¡ven acá, boi, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Estr3, Mosen., Viso2).

11603 **¡ven acá, Cabano, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi polo seu nome. (Viso1).

11604 **¡ven acá, touro!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Mosen.).

11605 **¡ven acá, vaca!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Camba, Estr3, Mosen.).

11606 **¡ven aquí, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Vxoán).

11607 **¡ven pr'acá!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. A nosa fonte escribe *ven pra cá*. (MCouso).

11608 **¡ven pra aquí!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. A nosa fonte escribe *ven pra qui*. (Lous.).

11609 **¡vente aquí, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Ces.).

11610 **¡vente ó rego, gallardo!** *fórm.* Fórmula para dirixi-lo gando na arada. (ERG).

11611 **¡vente pró rego!** *fórm.* Fórmula para guiar unha vaca durante a arada, facéndoa vir a onde se quere: *¡Marela, vente pr'o rego!*. (RCS).
11612 **¡vente, cucho!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Arzón).
11613 **¡vente, vaca, pra diante!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. (Lampón).
11614 **¡vente!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (Burela1, Negral, Vcova., Vmaior).
11615 **¡ven, boi, ou!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Estr3).
11616 **¡ven, boi, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Barre., Negra.).
11617 **¡ven, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Corb., Macei., Vilar).
11618 **¡ven, cuxo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Estr3).
11619 **¡ven, ghallardo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi polo seu nome. (Cang3, Carr-C, Frei., Morga., Neves2, Tab1).
11620 **¡ven, marelo!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Pal., Tab1).
11621 **¡ven, pequeniño, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. A nosa fonte escribe *ben*. (Buga-A).
11622 **¡ven, puchiño, ven... ven, pucho!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Abe., Cruído).
11623 **¡ven, rubio, ven!** *fórm.* Fórmula para chamar un becerro ou boi rubio. A nosa fonte escribe *ven (Rubio) ven*. (CReis2).
11624 **¡ven, toma, toma, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Corre., Lucí, Sofán, Teo).
11625 **¡ven, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Carr-C, Medín, Poulo, Rama., Sofán, Teo).
11626 **¡ven, vaca, ven, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Sabu2).
11627 **¡ven, vaquiña!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Corb.).
11628 **¡ven!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Arroxo, Baña2, Cast., Cervá2, Corre., Cruído, Fre., Oza, Rama., Ribó, Teo, Vedra).
11629 **¡veña!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando. (Oza).
11630 **¡Vermella!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca polo seu nome. (Figue2).
11631 **¡Vermello!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi polo seu nome propio. (Buga-N, Fuxás, Pre., Randu.).
11632 **¡vete aquí, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. A nosa fonte escribe *vete qui boy*. (Cur1, Eixo, Noal, Razo).
11633 **¡vete, ghallarda!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Sende.).
11634 **¡vete, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Medín).
11635 **¡vete, vaca, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. (Codeso.).
11636 **¡vete, vaca!** *fórm.* Fórmula para chama-la vaca. (Corre., Santi.).
11637 **¡vet, boi!** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Sende.).
11638 **¡ve, tomá, ve, tomá!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. A nosa fonte escribe *be*. (Cunt2, Sisán).
11639 **¡ve! 1** *fórm.* Fórmula para chamar ou espanta-los animais. As nosas fontes escriben *¡be!* pero supoñemos que ten relación con *¡vei, toma!*. (Com1, Mon.).
11640 **¡ve! 2** *fórm.* Fórmula para chama-lo boi. (Cer.).
11641 **¡xata!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Rendal, Samos3).
11642 **¡xatín, vei!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Cubi2).
11643 **¡xato, ven!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Ced.).
11644 **¡xato, ve!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. A nosa fonte escribe *vé*. (Arroxo, Ben.).
11645 **¡xato!** *fórm.* Fórmula para chama-lo becerro. (Arroxo, Meira2).
11646 **¡xerte, boi!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando a arar. (XTC4).
11647 **¡xiña, xiña!** *fórm.* Fórmula para chamar pola becerra. (Este., PA).
11648 **¡xou!** *fórm.* Fórmula para chama-lo gando. (Cang3).
11649 **¡xuvenca, ven, toma!** *fórm.* Fórmula para chama-las vacas. (Carr-C, Somo2).
11650 **¡xuvenca!** *fórm.* Fórmula para chamar unha becerra. A nosa fonte escribe *xubenca!*. (Buga-N, Car2, Casal., Fuxás, Lous., Lucí, Meir., Rendal).
11651 **¡xuvenco!** *fórm.* Fórmula para chamar un becerro. A nosa fonte escribe *xubenco!*. (Car2).
11652 **¡za, Gallardo!** *fórm.* Fórmula para estimula-lo gando e guialo na arada. *Mais ainda outra volta.-Za Gallardo, vente ó rego, Cardón*. (JIR:8).

Ver en 12.2. *Prognósticos meteorolóxicos*: *Arco da vella ó raiante...* e variantes.

¡Arre, boi! ¡Arre, vaca! ¡Arre, romeira! Istos son os tres berros do carreteiro. (VLLM:1,130) [728]

[728] Llópiz recólleo en Mondoñedo en 1931.

¡Atei, boi! ¡atei, vaca! ¡atei, luceiro! Son as tres verbas do carreteiro. (VLLM:1,141)
¡Ei, boi! ¡Ei, vaca! ¡Ei, romeiro! Estas son as tres verbas do carreteiro. (VLLM:1,141)
¡Ei, boi, ei! Chama ti que eu falarei. (VLLM:1,141) [729]
¡Tei tei! -Afala ti que eu aguillarei. (VLLM:1,141) [730]
¡Ei vaca, ei! Por o lugar arriba vai encher de uces a barriga. (Carb-L:194)
Nin tanto xo! que se pare, nin tanto xerte! que fuxa. (XTC4) [731]

Alá pola media noite
anda, boi, pasa, boi, anda,
tamén pasa o meu amor
cunha camisa lavada. [732]

Arco da vella ó raiante,
anda, anda, boi, pra diante;
arco da vella ó poniente
ceiba a parexa e vente. [733]

Cando poño os bois ao carro
sempre digo ¡Dios mediante!
e o carro sube a Costa
¡ei marelo para adiante! [734]

Cando poño os bois no carro,
sempre digo "¡Dios diante!";
met'os pola cuadra adiante,
"¡ei, boi, ei!, pra diante". [735]

Cando poño os bois ó carro
sempre digo "¡Dios delante!";
cando chego á corredoira
"¡Ei, Moreno, para diante!". [736]

Cando poño os bois ó carro
sempre digo: "¡Dios delante!"
Coa aguillada na man,
"¡anda, gallardo, pra diante!". [737]

Cando poño os bois ó carro
sempre digo: "¡Dios delante!"
Nosa Señora me axude!
"¡Eih, moreno, para diante!". [738]

Cando xungo os bois ó carro,
sempre digo "¡Dios diante!".
Cando chego á carreteira
"¡Ei, moreno, tira avante!". [739]

Iarriba boiciño arriba
arriba co teu arado
nena se estás nemorada
non che trai bon resultado. [740]

Ios collois do cura vello
van nun carro cara o inferno
i a criada vai detrás
¡tó Castaño vente ó rego! [741]

Sei arar cun bo arado,
poñer direita a rabela,
atrás Roxa, máis un pouco,
báixate ó regho, Marela. [742]

Tira vaca polo carro,
tira boi polo chedeiro;
quen quixer moza bonita
veña buscala a Loureiro. [743]

Vexamos agora un conto recollido por Laureano Prieto en Viana do Bolo.

---

[729] Llópiz: *qu'eu*; recólleo de Noriega Varela *(Sabiduría popular*).
[730] Llópiz: *tí qu'eu'*; recólleo de M. Aviñoá en Allariz; parece resposta retranqueira do boi ás chamadas ó esforzo que lle fai o gandeiro.
[731] Taboada explica que se refire ó gando e tamén á xente. *Xerte* é voz para estimula-lo gando a andar (¡*Xerte, boi!*).
[732] LimiaB:35.
[733] Carb-L:43.
[734] XLRG:63.
[735] VS. Saco recóllea como refrán.
[736] JPBIII:148.15; XLF3:54, localízaa en Ourense. No texto: *ô carro, â corredoira, Éi, moreno* (JPB); *ao carro, Eih, mereno* (sic) (XLF3).
[737] XLF3:54. Localízaa en Melide. No texto: *mán*.
[738] XLF3:54. Localízaa en Fonfría. No texto: *Eih moreno*.
[739] VLLM:1,138. No texto: *â; ¡ei moreno! tira avante*. Recóllea, como refrán, de E. Ribadeneira en Limodre (Pontedeume).
[740] SCHU1/2/233. No texto: *s'estás*.
[741] SCHU4/2/704. No texto: *car'o, vent'o.*
[742] SCHU1/2/236. No texto: *direit'á rabela* (sic), *baixat'ó regho*.
[743] Coto2:101.

¡Ei, vacas, ei! [744]

Un home de Pentes, que lle chamaban Tíu Simón, andaba arando unha leira, i-ó [745] mesmo tempo estaba pensando no que era o mundo: el [746] xa iba vello e como debía uis cuartos, mandou [747] o único fillo que tiña pra as minas de Andalucía a ver se ganaba algo. Inda se empeñou máis [748] ao ter que buscar os cuartos que percisou o fillo pra o viaxe, i el feito un negro, traballando sin poder; i-o [749] condenado do rapaz sin acordarse de seu pai pra nada...

Cuando estaba cuestes pensamentos pasou un home de outro pueblo por onde el, e díxolle:

- *Ai, Tíu Simón. Tíu Simón eee...! Tráiolle* [750] *mamóreas do fillo*.
- *Ei, vacas, ei! Que mamóreas non dan pan*.

I o Tíu Simón seguíu arando coma se o outro non falara cuel; quen volveu a chamar:

- *Ai, Tíu Simón!*
- *Ei, vacas, ei!*
- *Ai, Tíu Simón, tráiolle cinco duros do seu fillo*.
- *Ooooooóu... Parái, vaquiñas, parái! Eu ben sabía que este fillo era fillo de bendición*.

Eis unha versión máis breve do mesmo conto:

A carta do fillo emigrado [751]

Era un labrador e andaba a labrare, e ó fillo tíñao polas Américas. Entonses cheghou alí un e díxolle:

- *Manuel, o teu fillo mandouche unha carta.*
- *¡Anda, boi, anda!*
- *¡Manuel, o teu fillo mandouche cartos!*
- *¡Para, boi, para!*

Este mesmo argumento atopámolo formando parte dun conto moito máis longo de Manuel Vidal, do que entresacámo-lo fragmento que nos interesa:

O Tío Mataprobes [752]

Unha mañán [753] o tío Mataprobes que, como queda dito, en medio de todo era un gran traballador, colleu o seu caiado [754] alongado cun regatón puntiagudo que lle servía tamén de aguillada e, xunguindo [755] os bois, foise arar o agro de Cubelo que estaba non lonxe do lugar.

Pouco faguía que estaba arando e acercouselle co sombreiro na mau un probe labrego.

- *Bos días señor Narcis*.
- *¡Ei, boi, ei!*
- *Bos días señor Narcisio, santos y buenos nos dea Dios*.
- *Ei, cereixo, ei... cia, marelo... condanado que perguiceiros estades ¡se vos levara o demo!... Ei, boi, ei ¡condanado!*
- *Quería estar con vosté, queríalle decir unha palabriña*.
- *¡Ei marelo!... ¡cía alá cereixo!*

---

[744] Pentes3:175-176. Deste conto, recollido en Pentes, publicáronse posteriormente dúas versións: unha de *El Correo Gallego* 2.05.1970 e outra de Barrio e Harguindey (MB-EH 1983:177).

[745] No texto: *ió.*

[746] No texto: *El.*

[747] No texgo: *mandóu*. Tamén no resto do texto: *empeñóu, percisóu, pasóu, volvéu*.

[748] No texto: *mais.*

[749] No texto: *i o.*

[750] No texto: *Traiolle.*

[751] CNC:444. Recollido en Bueu, Pontevedra, de Josefa Patiño López, de 67 anos de idade en 2000.

[752] MVR2: 267-272. Copiamos só un fragmento.

[753] No texto: *mañan*.

[754] No texto: *cayado*.

[755] No texto: *, e xunguindo*.

- Señor, eu traguíalle us cartiños...

- ¡Ou, oo!... ¡Xo, boi... xoo! Abonda marelo, cía atrás, cereixo...

- Pois, señor, eu [756] traguíalle os cartiños que me prestou sobre da casa da miña muller e que mañán, Dios querendo, vence o prazo...

- Coidei que me viñas pedir prórroga que pasado mañán destas [757] horas xa tiñas o embargo encima da túa [758] alma... a ver, dez, vinte, trinta... Bueno, está ben. Xa te cruzarei ó chegar [759] a casa... Vaite co demo.

9.4.8.3. Voces para para-lo gando

As voces para para-lo gando son na súa aparente simpleza enigmas etimolóxicos, porque, aínda que algunhas delas parezan descomposición de verbos en imperativo, non está clara a orixe para moitas e todo parece indicar que a creatividade é continua. Posiblemente tamén a mortalidade, porque Sarmiento (FMS) citaba no século XVIII tres voces para para-los bois (*¡stea!, ¡ste, boi!* e *¡te!*) e xa non encontramos viva ningunha delas.

11653 **¡aguanta!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Culle.).

11654 **¡aí, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-lo gando. (Fra.).

11655 **¡atrás!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Buga-A, Conxo).

11656 **¡booo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Vnova2).

11657 **¡cea, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Vmaior).

11658 **¡ei, vaca! 2** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Abe., Anca, Com4).

11659 **¡ei! 2** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Troán1).

11660 **¡ghooo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. Com1, Estr4, Guil2, Oliv., Sisán e Verdu. escriben *¡ghoo!*. (Aranga, Com1, Estr4, Fuxás, Guil2, Nove2, Oliv., Rendal, Sisán, Teo, Verdu.).

11661 **¡ghoo, ghoo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Cur., Leir-A).

11662 **¡ghoo, gho, gho!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Cam4).

11663 **¡ghoo, vaca, ghoo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Oroso2, Sabu3).

11664 **¡ghou, bueuóo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Eixo).

11665 **¡ghou, ghooo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Carño2).

11666 **¡ghou, ghou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Dúas, Valen.).

11667 **¡ghou, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Verdía).

11668 **¡ghou! 1** *fórm.* Fórmula para para-lo gando. (Baltar, Cadrón, Cang2, Cast., Com1, Dum., Fol-C, Lestón, MCouso, Mosén., Rama., Razo, SComba).

11669 **¡gho, gho aí!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *¡jo! ¡jo ahí!*. (Pre.).

11670 **¡gho, ghoo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (TapiaC).

11671 **¡gho, ghou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Ces., Medín).

11672 **¡gho, gho, gho!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Codeso., Pedro.).

11673 **¡gho, gho, vaquiña!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Ribe1).

11674 **¡gho, gho!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. Noalla: *gho, gho*, o resto das fontes: *jo!, jo!*. (Cerd2, Fol-LE, Noalla, Ribad., Somo2, Valad1, Valad2, VGR, Viso1, Vviño).

11675 **¡gho, vaca, gho!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Cruído).

11676 **¡gho, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Fózara, Lagar.).

11677 **¡gho!** *fórm.* Fórmula para para-lo gando. (Agro., Arzúa2, Boi., CarbCo., Com1, Conxo, Couso, Dum., Lampón, Lava., Lous., Lucí, Medín, Morga., Noal, Nove., Oirós, Pade., Piñor, Poulo, Santi., Sende., Sob., Viso2, Zamáns).

11678 **¡ghuó aí, ghuó!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *juó ahí, juó*. (Figue1).

11679 **¡ghuooo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Corb., Cur.).

11680 **¡ghuou, ghuou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Baíñas).

11681 **¡ghuou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Couce.).

11682 **¡ghuó, ghuó!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Arme., Corre., Cunt2, Gaxate, Noice., Pal., Somo1).

[756] No texto: *en* (sic).

[757] No texto: *d'estas*.

[758] No texto: *tua*.

[759] No texto: *o chegar*.

11683 **¡ghúo, ghúo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Grixoa).
11684 **¡ghuo, ou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Sofán).
11685 **¡ghuo, torna aquí, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Lañas).
11686 **¡ghuo, vaca, ghuo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Ribe2).
11687 **¡ghuó, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Abe.).
11688 **¡ghuó!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. Bar-Co., Com1, Frei., Goián, Grixó, Laxe, Mon., Mour1, Peroxa, Randu., Razo e Xeve escriben *¡ghuo!* (Bar-Co., Bas., Buga-N, Casal., Com1, Covas, Culle., Frei., Figue2, Goián, Grixó, Laxe, Lendo, Mon., Mour1, Negr2, Ortoño, Oza, Peroxa, Randu., Razo, Vmaior, Vtose., Xeve).
11689 **¡ghu, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Vcova).
11690 **¡goo, goo, vaca, oh!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Sabu2).
11691 **¡goó!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Vedra).
11692 **¡gou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Lous.).
11693 **¡gou!, ¡gou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Caban., CReis2, Sisto).
11694 **¡go!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Busta., Nove.).
11695 **¡guooo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Corb., Tabor.).
11696 **¡guou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Baña2, Callo.).
11697 **¡guó!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. Corb. e Tabor escriben *¡guooo!*. (Corb., Mon., Tabor.).
11698 **¡huoooo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Cur1).
11699 **¡huo, vaca, huo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (PCal2).
11700 **¡huo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Saiar).
11701 **¡huó!** *fórm.* Fórmula para para-lo gando. (Grixó).
11702 **¡ighou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *ijou*. (Gui.).
11703 **¡no!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Cabal.).
11704 **¡o guou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Antas3).
11705 **¡oagha!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *oajá*. (Busta.).
11706 **¡oghou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Abadín).
11707 **¡oghó!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *ojó*. (Burela1, Cubi2, Laxosa, Samos3).
11708 **¡oh!, ¡vaca, oh!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Alence, Cruído).
11709 **¡ooh, ooh!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Carr-G).
11710 **¡oooh, oooh!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Beman.).
11711 **¡oooh!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Lago, Neda, Vilar).
11712 **¡ooooo, cea pra tras!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Vi-Val).
11713 **¡ooóou!** *fórm.* Fórmula para dete-lo gando. (Gud7).
11714 **¡ooóó!** *fórm.* Fórmula para dete-lo gando. (Gud7).
11715 **¡ooo!, ¡ou, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Caa.).
11716 **¡oop!** *fórm.* Fómula para para-las vacas. (Taboa.).
11717 **¡oou!** *fórm.* Fómula para para-las vacas. (Ribó).
11718 **¡ora!** *fórm.* Fórmula para para-lo gando. (Burón, Suarna).
11719 **¡ouo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Piñe.).
11720 **¡ouxx!** *fórm.* Fórmula para para-lo gando. (Mez.).
11721 **¡ou, guo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Val-LE, Vill-O).
11722 **¡ou! 1** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. Amandi, Barre., Burgo, Cere., Chan., Laraxe, Melias, Oirán, Vala1 e Xudán1 escriben *¡ouh!*. (Amandi, Baltar, Barre., Burgo, Cere., Chan., Enxames, Gud5, Gud7, Laraxe, Melias, Oirán, PSil, Vala1, Xudán1).
11723 **¡o, Paloma!** *fórm.* Fórmula para facer que se deteña unha vaca chamada *Paloma*. Ver ¡MOURA! /11488. (Cervá1).
11724 **¡o!** *fórm.* Fórmula para para-lo gando vacún. Alla2,Cervá2 e Laraxe escriben *¡oh!*. (Alla2, Cervá2, Laraxe, Piquín).
11725 **¡o... o...!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Abadín, Ced., Cubi2, Fre., Laiosa, Mondo1, Penela, Taboa., Vala1, Veste., Xudán1).
11726 **¡para aí!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *para ahí*. (Rib-S).
11727 **¡para, Morena!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Car2).
11728 **¡para, Raxada!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Car2).
11729 **¡para!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Carr-C).
11730 **¡pasa aquí, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Ced.).
11731 **¡quieta, ou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (PSeca).
11732 **¡quieta, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Lagar.).
11733 **¡quieta!** *fórm.* Fórmula para para-la vaca. (Cab.).
11734 **¡soo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Arzón, Culle.).
11735 **¡so!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Morai.).
11736 **¡tente!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Culle.).

11737 **¡to aquí, xuvenca!** *fórm.* Fórmula para dete-lo gando. (ERG).
11738 **¡too!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Estr4).
11739 **¡tou, vaca, tou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Parga).
11740 **¡to, vaca, to!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *tò vaca tò*. (JMP).
11741 **¡to, vaca!** *fórm.* Fórmula para rete-lo gando e reconducilo na arada. -*¡To, vaca, condanada! ¡Marela, vente pr'o rego!*. (RCS:104).
11742 **¡uoghó!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *uojó*. (Consta., Samos3).
11743 **¡uoh, para!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Suevos).
11744 **¡uooo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Carr-C, Rib-E, Tab1, Vnova2).
11745 **¡uoop!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Cer.).
11746 **¡uou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Crendes).
11747 **¡uó!** *fórm.* Fórmula para para-lo gando. (Ben., Ced., Com1, Covas, Damil, Dis., Mira., Rábade, Rib-S, SComba, Xun.).
11748 **¡uuop!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Camba).
11749 **¡vaca, ghoo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Somo2, Vxoán, Verdu.).
11750 **¡vaca, ghuo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Gaxate).
11751 **¡vaca, ou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Vixoán.).
11752 **¡vaca, o...o...o...!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Meira2).
11753 **¡vaca, to!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Anseán, Arroxo, Ced.).
11754 **¡vaca, vé!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Arroxo).
11755 **¡vaca, xo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Estr3).
11756 **¡va, va!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Antas3).
11757 **¡vente aquí, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Rus).
11758 **¡xighou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *xijou*. (Gui.).
11759 **¡xoghou, xoghou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Vrei.).
11760 **¡xooh!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *shooh*. (Neves2).
11761 **¡xoo, xoo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Oroso1).
11762 **¡xoo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Arca, Cam4, Cur., Macei., Nove2).
11763 **¡xóo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Cang3, Estr3, Estr4).
11764 **¡xou, xou, xou!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Bolo, Peno.).
11765 **¡xo, gho!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *¡xojó!*. (Fara).
11766 **¡xo, o!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *xó*. (Meir.).
11767 **¡xo, vaca!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. (Com4).
11768 **¡xo, xo!** *fórm.* Fórmula para para-las vacas. A nosa fonte escribe *xó*. (Gaxate, Morga., Noalla, Troán1).
11769 **¡xo!** *fórm.* Fórmula para para-lo gando. (Busta., Cab., Com1, Grixó, Gui., IR, Lamas, Laxosa, LCA4, Negr2, Nive., Nove., Pantón, Piñei2, Ram., SComba, Sob., VFrore., Vmaior).

O pai e a nena [760]

Unha vez andaba un home arando, e tiña dous nenos, un neno e unha nena, i o neno [761] era o máis vello, e tiña a muller en estado, e veu un neno chama-lo patrón [762], dixo:

- *Ai papai!, veña á casa que hai unha nena*.

Pero o señor non lle fixo caso, seghiu arando ighual. Volve de alí a un anaquiño e volve o pequeno:

- *Ai papai, veña á casa que hai unha nena!*

Nada, o home [763] seghiu arando ighual.

De alí a outro anaquiño volvía o pequeno:

- *Ai papai, veña á casa que hai unha nena!*

Pero o home ighual; pero cando as veces foron moitas tamén dixo:

- *¡Oghou vaquiñas, oghou, que terei que ir á casa, porque logho terei eu máis nenas que o cura felighreses!*

[760] XPP:79. Recollido en Fonte da Uz, Merlán, Palas de Rei.
[761] No texto: *i-o neno*.
[762] No texto: *chamalo ó patrón*.
[763] No texto: *Nada o home*.

9.4.8.4. Voces para facer recua-lo gando

11770 **¡arromba, cabano!** *fórm.* Fórmula que se usa para torna-los bois. *¡Arromba cabano!, torna pra alá*. O informante especifica que *cabano* non era o nome do boi. (Vigo2).
11771 **¡cea atrás!** *fórm.* Fórmula para facer recua-lo gando. (Grixó).
11772 **¡cea, boi, cea!** *fórm.* Fórmula para facer que vaia atrás a xugada. (Nove.).
11773 **¡cexx!** *fórm.* Fórmula para facer recua-las vacas xunguidas. Gud7 escribe *cexxxx*. (Gud5, Gud7).
11774 **¡ce, boi, ce!** *fórm.* Fórmula para facer que as vacas recúen. (Nove.).
11775 **¡ce, vaca, atrás!** *fórm.* Fórmula para facer recua-las vacas. (Parga).
11776 **¡ce!** *fórm.* Fórmula para facer que as vacas ou os bois que van tirando polo carro veñan cara atrás (*ceen*). (ERG, FMS, Nove.).
11777 **¡pa tras!** *fórm.* Fórmula para facer recua-las vacas. (Callo.).
11778 **¡veitó!** *fórm.* Voz de mando para facer volve-las vacas. As nosas fontes escriben *Beitó* pero supoñemos que ten relación con *¡vei, toma!*. (Burón, Cod.).

9.4.8.5. Voces para anima-lo gando a beber

11779 **¡aguiche!** *fórm.* ERG defíneo como palabra que se di e repite ó gando vacún cando bebe ou o botan a beber. (ERG).
11780 **¡ao quichú!** *fórm.* Fórmula dos vaqueiros de Alzada para anima-lo gando a beber. (VLLM).
11781 **¡ghuu! ¡ghuu! ¡ghuu!** *fórm.* Voz para anima-lo gando a beber. (Ctel14).
11782 **¡güi, güi!** *fórm.* Fórmula para anima-lo gando a beber. Ver ¡AGUICHE! /11779. (ERG).

Ó boi que bebe, non fai falta "¡ao quichú!". (VLLM:1,129) [764]

9.4.8.6. Outras voces


11783 **¡á corte, boi!** *fórm.* Fórmula para facer que o gando empece a moverse cara á casa (se está a pacer) ou directamente á corte (se está preto dela). (Grou3).
11784 **¡aparta!** *fórm.* Fórmula para aparta-lo gando. (ERG).
11785 **¡arrella!** *fórm.* Fórmula que se utiliza para mandar que se arreden das nais os becerriños. (ERG).
11786 **¡boix! ¡boix! ¡boixiño...!** *fórm.* Fórmula para chamar polas crías que quedan atrás ou se extravían. (Gud7).
11787 **¡estende, estende!** *fórm.* Fórmula para facer que as diferentes xugadas se espallen e non vaian xuntas un xugo co outro. (Ctel2).
11788 **¡ghurra, ghurra!** *fórm.* Fórmula irónica para advertir as vacas de que deixen de puxar unha contra a outra cando van ó xugo. (Ctel8).
11789 **¡ponte ó canto!** *fórm.* Frase que se usa para dirixirse ás vacas pedíndolles atención para que se deixen xunguir. Algunha vez, e con intención humorística, pódese utilizar dirixíndose a persoas para pedirlles que miren para nós e nos atendan. (Sarre2).
11790 **¡ux!** *fórm.* Fórmula usada para escorrentar un animal. (Xun.).
11790b **¡vaca, to! 2** *fórm.* Fórmula usada para escorrentar un animal. (CLam3).

¡Queda, loba/toura! Deixa comer á outra. (VLLM:1,152) [765]
¡Queto, lobo! deixa comer ao outro. (VLLM:1,152) [766]

9.4.9. Estimula-lo gando

Lémbrese a distinción que fixemos en 9.4.8. entre *chama-lo gando* mediante palabras ou voces e estimulalo mediante o castigo da aguillada ou a xostra.

[764] Recólleo do *Falar dos Vaqueiros d'Alzada* e explica que *¡Ao quichú!* é frase empregada polos vaqueiros para anima-lo gando.
[765] Llópiz: *louba* (que corriximos por consideralo hipercorrección do paremiólogo), *â*; explica que tal se lle di ás vacas que, estando ó xugo, comen tanto que non deixan comer ás outras.
[766] Llópiz: *loubo* (que tamén corriximos); recólleo en Salvaterra en 1930.



Tipos de Galicia: o carreteiro (Lourido, *Suevia*).

11791 **aferretar** *v.* Aguilloar [os bois e vacas] coa aguillada. (ERG).

11792 **aferroar** *v.* Picar [a parella das vacas] coa vara da aguillada. (Hermi., LCA1).

11793 **aforroar** *v.* Aguilloar [o gando] co forrón da aguillada para que ande. Xaquín Lorenzo explica que a palabra procede da punta de ferro que coroa a aguillada. (LimiaB, Lobe2).

11794 **afurquiñar** *v.* Aguilloar [o gando]. (Piquín).

11795 **aghilloar** *v.* Ver AGUILLAR /11797. Agrupamos nun mesmo rexistro as diferentes formas que nos dan as nosas fontes: *agilloar* (Fózara, Gaxate, Morga., Saiar), *ajilloar* (Cervá2, Ribe1, Vi-Val., Vviño.) e *ajilloalo* (Cur., Figue2). (Cervá2, Cur., Figue2, Fózara, Gaxate, Morga., Ribe1, Saiar, Vi-Val., Vviño).

11796 **aghullar** *v.* Ver AGUILLAR /11797. (Leir-A).

11797 **aguillar** *v.* Estimular ou avivar [o gando] cunha aguillada, coa voz ou doutra maneira. Llópiz recolle neste refrán a diferenza entre estimulalo gando coa voz ou coa aguillada: *¡Tei, tei! Afala ti que eu aguillarei*. (Barre., Burón, Ced., Damil, ERG, Fri., Gui., Gun., Mel1, Mez., Mra., Ped1, Peno., Piquín, Piñor, SComba, Suarna, Vil., Vilaf., Vill-O, VLLM).

11798 **aguilloar** *v.* Ver AGUILLAR /11797. *Pasou un carreteiro aguilloando con presa os bois* (EAR3:75). (Bolo, Burela1, Caa., Cab., Com1, CP, EAR3, ERG, Friei., LCA1, Vala.).

11799 **aguilluar** *v.* Ver AGUILLAR /11797. (Razo, Sob.).

11800 **aguixar** *v.* Ver AGUILLAR /11797. (Mira., Piquín).

11801 **agullar** *v.* Ver AGUILLAR /11797. (CP).

11802 **asobelar** *v.* Picar [as vacas] coa aguillada con ensañamento. (Hermi.).

11803 **axigotar** *v.* Espantar, apurar ou aguilloar [un animal ou persoa]. (Piquín).

11804 **axotar** *v.* Estimular [o gando]. (Parga).

11805 **chuzar** *v.* Animar [o gando] co aguillón. (Com1, Goián, San., Valad1).

11806 **escalamustrar** *v.* Pegarlle [a unha res]. *¡Heite de escalamustrar!*. (Meira).

11807 **ghilloar** *v.* Ver AGUILLOAR /11798. A nosa fonte escribe *jilloar ao jando*. (Viso1, Viso2).

11808 **guiar** *v.* Tanguer [a facenda]. (Gud5).

11809 **picar** *v.* Aguilloar [o gando]. Buga-A e Negra. recollen *picar co aghillón*. (Buga-A, Cal., Casal., Dum., Gud., Meir., Mondo1, Mra., Negra., Rib-S, Taboa., Vcova., Xun.).

11810 **pinchar** *v.* Ver PICAR /11809. (Barre).

11811 **tanguer** *v.* Conducir [o gando], guialo mediante

toques na testa coa aguillada. XLF5 engade que se utiliza en *casi toda Galicia*. (Cal., Carbal., Enxames, Goián, Laiosa, Lemos2, LimiaB, Lobe., Mez., Pantón, Parade., Penela, Velle1, Ver1, Vil., Vrei., XLF4, XLF5, Xun2).

11812 **tanxer** *v.* Ver TANGUER /11811. (ERG, Gud., Gud5, Lubián, VLLM).

11813 **tañer** *v.* Ver TANGUER /11811. (VGR).

11814 **varear** *v.* Estimular [o gando]. (Casal.).

11815 **variar** *v.* Ver VAREAR /11814. (Cur.).

11816 **xostrear 2** *v.* Ver XOSTREGAR /11817. (ERG, Xun2).

11817 **xostregar** *v.* Estimular [o gando] pegándolle coa xostra. (Cod., ERG, Xun2).

11818 **xotar 1** *v.* Ver XOSTREGAR /11817. (Borre.).

11819 **dar aguilloazos** *loc. v.* Ver AGUILLOAR /11798. (Pravio).

11820 **dar unha aghilloada** *loc. v.* Ver AGUILLOAR /11798. (Agro.).

11821 **pegar unhas aghilloadas** *loc. v.* Ver AGUILLOAR /11798. (Ctel1).

11822 **picar para diante** *loc. v.* Ver PICAR /11809. (Cervá1).

Ver en 12.2. *Prognósticos meteorolóxicos* aqueles que recomendan *pica o bois pra diante* e variantes.

Ao boi, cando ara, non lle olles prá cara. (VLLM:1,128) [767]
Ao boi que ara, non lle mires prá cara. (VLLM:1,128) [768]
Ó boi que ara, non lle míre-la cara. (ERG:boi) [769]
As vacas, si queres que se vaian, bérralles de lonxe. (VS) [770]
Ó boi velo ire e á vaca vela vire. (Gro2) [771]
O que vai no carro, non tanxe os bois. (VLLM:1,149) [772]
O touro, cando o aferretan, como o demo a fuxir pega. (VLLM:1,150) [773]

Cando che paren os bois
no camiño, Xan de Calvo,
non os piques coa aguillada,
andaranche untando o carro. [774]

9.4.9.1. A aguilloada

11823 **aguilloada 1** *s.f.* Golpe dado coa aguillada. (Caa., Cab., Cod., CP, ERG, Gun., Mra., Piquín).

11824 **aguilloaza** *s.f.* Ver AGUILLOADA 1 /11823. (Xun.).

11825 **aguillonazo** *s.m.* Ver AGUILLOADA 1 /11823. (Ped1).

11826 **aguilluada** *s.f.* Ver AGUILLOADA 1 /11823. (Burón, Suarna).

11827 **lampreada** *s.f.* Varazo, golpe dado cunha vara. (Grixó, Xun2).

11828 **lampreazo** *s.m.* Ver LAMPREADA /11827. (ERQ).

11829 **lastrigazo** *s.m.* Ver LAMPREADA /11827. (Xun2).

11830 **varada 1** *s.f.* Ver VAREADA /11831. (Arcos).

11831 **vareada** *s.f.* Golpe dado coa vara co propósito de estimula-lo gando. *Nunha destas a nai berroulle forte á vaca dándolle depaso unha vareada. O animal ergueu a cabeza e espetoulle un corno polo curso a rapaza que estaba de espaldas* (MRP:108). (Agro., MRP).

11832 **xostreada** *s.f.* Golpe dado cunha xostra. (ERG).

11833 **xostregada** *s.f.* Golpe dado cunha xóstrega. *Espetándose na lama do bugallón puido darlle volta e zorregarlle unhas xostregadas, que lle foi repetindo namentras lle dou corrido. Chegóu coila e arrecadóuna coas outras* (GB2:162). (ERG, GB2).

Andada, máis fai afalando que a guillada. (VLLM:1,127) [775]

---

[767] Recolleuno de A. Abelaira.

[768] Llópiz: *prá-a*; explícao así: *Porque, si se le mira, suele inquietarse y tira mal del arado y además porque el estímulo, a (sic) de venir desde atrás al buey que tira afanoso hacia adelante*. Recolleuno de P. Franqueiro en Monforte.

[769] ERG: *mírela*.

[770] VS explica: *Para que el animal tire, es preciso engordarle.* Supoñemos que este refrán alude ó feito de que, cando un animal está ben mantido tira de seu polo arado e polo carro, sen necesidade de que o aguilloen; por iso recomenda *berrarlle de lonxe.*

[771] Ver nota a *Ao boi que ara, non lle mires prá cara*.

[772] Llópiz recólleo na estación pecuaria de Fingoio.

[773] Llópiz di que o recolle inserto nunha poesía de J. Fernández Neira.

[774] An5:6. No texto: *n-o, non-os, co-a, andaránche*.

[775] Llópiz di que o recolle de A. Abizanda (*Monografía de La Capela*). O propio Llópiz noutro lugar dá outro refrán procedente da mesma fonte e do que este parece ser unha parte: *Ao boi de boa andada, mais lle fai afalando que ca aguillada*.

Ao boi de boa andada, máis lle fai afalando que coa aguillada. (VLLM:1,128) [776]
Boi que non ara, aguillada nas costas. (XTC4)
Nin piques tanto que fuxa, nin tan pouco que se deite. (VS4) [777]
Ó boi que ara, por detrás a aguillada. (VLLM:1,129) [778]
O home moi picador non é bo mantidor (VS) [779]

9.4.9.2. A aguillada

As aguilladas son as varas coas que os gandeiros chaman o gando. Por terras de Mondoñedo facíanse tradicionalmente de pau de abeleira e mesmo lle chaman *abelairas*. Á parte das posibles razóns técnicas, que descoñecemos pero que deben estar baseadas en ser unha madeira dura e flexible, cómpre ter presente que a esta árbore se lle atribúe un poder especial para combati-las cobras e darlles morte, a máis de cura-las picadas de cobra simplemente tocando a ferida cunha póla de abeleira. Na zona oriental de Galicia e en Asturias plantan estas árbores nos lindeiros das terras, co propósito de manteren lonxe as cobras (GEG:abelaira).

Tamén se cre (como vimos na epígrafe 3.2.8. *Moscar*) que a vara de abeleira serve para mata-las bruxas convertidas en moscas, outra razón que explicaría o feito de face-las aguilladas coas varas desta árbore. Véxase estoutra explicación:

> *A vara d'avelaira, é empregada en toda a Europa oucidental nas operacións de Goecia (a 'magica preta liberal', como lle chama o 'Libro Grande de San Ciprián'). D'avelaira faise a 'vara fulminante', istrumento indispensabel da Maxia Negra, que ven descrito en todol-os grimorios, e ten outras moitas apricaciós* (Sarria6).

E aínda parece haber máis propiedades nesta árbore ou na súa madeira. As varas de abeleira teñen sona de detectaren a presenza de auga subterránea, tremendo cando se achegan a onde se atopa a mina, e cóntase que o caxato de Moisés que fixo brotar auga do deserto era desta árbore. E tamén se utilizaron para descubrir certas enfermidades, como a lepra, mesmo cando o enfermo o disimulase ou negase (AGS:67).

Ben mirado, todas estas crenzas son ecos dunha interpretación popular da vara que tiña Moisés, como pastor que era, e coa que, por poder divino, fixo prodixios como dominar cobras, tabáns, o río Nilo e mesmo fixo nacer auga nas pedras de Horeb, tal como conta o libro do Éxodo [780], aínda que nese libro coidamos que nunca se di que a tal vara fose de abeleira; pero ese é detalle que fai con gusto a fantasía popular.

En Castro de Rei apreciábanse as de pau de carballo, se habemos crer no verso de Crecente Vega (*feita dun caxoto de carballo mouro*) que habemos ver en 9.4.9.3. Na Estrada son de castiñeiro (GB2:11) e na Merca de castiñeiro ou de carballo (Merca:75).

O acivro, por ser de madeira resistente e flexible, tamén se utiliza, entre outras cousas, para facer aguilladas; pero nalgunhas comarcas galegas crese que, se se lle dá ó gando con esta vara, levántase a pel no punto onde reciba o golpe (ERG:xardón).

O 23 de abril, festa de San Xurxo, celébrase unha romaría na parroquia de Cereixo (A Estrada, Pontevedra) á que acoden os labregos para abenzoa-lo gran que van sementar e mailas aguilladas para tanxe-lo gando. Esta aguillada bendecida protexerá á facenda de todo mal [781].

Recomendamos ler no capítulo 16.1. o poema de Xosé Crecente Vega *A miña aguillada* e mailos comentarios do seu editor. E tamén os versos *A tralla e a aguillada* de Amador Montenegro nos que disputan sobre a comparativa eficacia a tralla, a aguillada e o corno (16.1.).

---

[776] Llópiz: *ca*; di que o recolle de A. Abizanda *(Monografía de La Capela*).

[777] VS4 di que o recolle de Silvestre Castiñeira Rodríguez

[778] Llópiz recólleo en 1925 en Monforte de P. Franqueiro.

[779] VS explica: *El que castiga demasiado a los animales es porque no gasta en alimentarlos*.

[780] Moisés, como pastor que fora corenta anos, tiña unha vara; e esa vara converteulla Deus en serpe e despois volveulla en vara outra vez (Éxodo 4,1-4) para que soubese que aquela vara era o instrumento do poder divino. Posteriormente con aquela vara fixo Moisés prodixios diante do Faraón, convertendo en sangue a auga do río (Éx. 7,10-25), provocando a praga dos tabáns (Éx. 8,16-20), a do pedrazo (Éx. 9,23), a do vento que queimaba (Éx. 10,13) e, sobre todo, realizando o prodixio de abrir un paso no Nilo dividindo as augas para que o seu pobo fuxise de Exipto e reunídoas despois para que nel afogase o exército do Faraón que viña perseguindo (Éx. 14,16 ss). Con esa mesma vara Moisés fixo nacer auga dun penedo de Horeb (Éx. 17,5-6). A afirmación de que esa vara fose de abelaira parécenos que é creación popular, porque a Biblia non o di. Pero todas estas cousas están latentes na crenza popular galega das propiedades da vara de abelaira.

[781] CGP3:82.

11834 **abelaira** *s.f.* Ver AGUILLADA /11837. Chámase así porque adoita facerse dunha vara desta árbore. Eladio Rodríguez di que se lle chama así "en algunas comarcas", pero non concreta máis. XLF5 escribe *avelaira*. (CP, ERG, XLF5(17)).

11835 **abeleira** *s.f.* Ver ABELAIRA /11834. (MLP:428).

11836 **aguiada** *s.f.* Ver AGUILLADA /11837. (VGR).

11837 **aguillada** *s.f.* Vara fina e longa e con punta que se utiliza para estimula-lo gando. XLF5 indica que se di en "casi toda Galicia". *[...] e coa outra, coa dereita, collía unha aguillada de pau de castiñeiro que o seu pai, Lourenzo Quiñói, arranxara quentándoa no lume do forno o día da cocedura, domeándoa en quente hastra que dese a tona e deixándoa munda e dereita coma unha vela* (GB2:11). (Común).

11837b **aguillado** *s.m.* Ver AGUILLADA /11837. (XLRG).

11838 **aguilleda** *s.f.* Ver AGUILLADA /11837. "Uncidas las vacas, se conducen con la aguijada o *aguilleda* [...] Pero en el yugo yugular o de canga no se usa la aguijada, sino una soga o cuerda" (Ancares2:226). "Finalmente, para arrear al ganado, (a las bestias), se usa la *aguilleda*, aguijada (de lat. *aguileata*); en gallego, *aguillada*; Sisterna, *guichada*; Babia y Laciana, *aguichada*; Rato, *giada*, *guichada*, etc.". (Ancares2:238).

11839 **aguilloa** *s.f.* Ver AGUILLADA /11837. (Cab.).

11840 **aguilloada 2** *s.f.* Ver AGUILLADA /11837. (Castre., Oirós).

11841 **aguiyada** *s.f.* Ver AGUILLADA /11837. (VGR).

11842 **anguía** *s.f.* Aguillada. Úsase nas adiviñas. (PM:352, VG:7.12.1985).

11843 **chuzo 1** *s.m.* Ver AGUILLADA /11837. (XER).

11844 **guiada** *s.f.* Ver AGUILLADA /11837. (VGR).

11845 **guichada** *s.f.* Ver AGUILLADA /11837. A nosa fonte localízao en Sisterna, do concello asturiano de Ibias. (Ancares2).

11846 **guillada** *s.f.* Ver AGUILLADA /11837. (CP, LCA1, Porto, Ram., VLLM).

11847 **miñoca** *s.f.* Aguillada. Úsase nas adiviñas. (PM:353).

11848 **taloira** *s.f.* Vara longa. FMS dicía que no tempo del en Ourense a taloira era unha aguillada longa para pica-los bois; temos constancia de que esta palabra está viva pero como instrumento para varear castañas e noces, ou para sinalar nun cadro o momento da historia que o cego ía cantando ou para recoñece-los grupos de cada aldea na batida do lobo. (FMS).

11849 **vara 1** *s.f.* Ver AGUILLADA /11837. *Ó botar o gando xa era cousa sabida levar o cesto [da bosta] pra coller o que os animais fixesen e o demais que se poidera xuntar polos camiños. A vara na man i o cesto no brazo, e tíñase a fachenda de chegar de volta coil ben acurutado* (GB2:58). (Arcos, Com1, Cre., GB2, Hermi., Laxe, Mon., Porto, SComba).

11850 **yada** *s.f.* Ver AGUILLADA /11837. ¿Virá de *guillada* e esta de *aguillada*? (VGR).

11852 ***anguila** *s.f.* Ver ANGUÍA /11842. Úsase nas adiviñas. (ANV1).

11855 **fura-fura** *s.comp. Ú. c. m. e f.* Aguillada. Úsase nas adiviñas. (APG, PM:351).

11856 **vara de garda-lo gando** *s.comp.* Ver AGUILLADA /11837. *Con elas, nos intres libres, ou mentres nos contaba un conto, gravaba con xeito sobre a vara de garda-lo gando marcas e riscos circulares, en zigzag ou espiral que lle daban unha gran beleza á aguillada ante os ollos dos nenos*. (Cañiza3:18).

11856 **varal das vacas** *s.comp.* Ver AGUILLADA /11837. (Barro, CLam3).

11857 **vella cun dente** *loc. s.* Aguillada. Úsase nas adiviñas. (PM:1053).

Antes aguillada que boi. (VLLM:1,128) [782]

Máis val ser boi do que carro, e aguillada antes do que boi. (VLLM:1,157)

Ao boi rouceiro pouco lle presta a guillada. (VLLM:1,129) [783]

As varas son boas pra o gando. (Grixó)

Arador sin aguillada non vale nada. (VS)

Cando vexas o sol rubio pró nacente, colle a aguillada e vente. (VS) [784]

Cativa a vaca que non sinte a guillada. (VLLM:1,138) [785]

Con pequena aguillada non se guía ben a xugada. (ERG:aguillada)

Ó boi que ara, por detrás a aguillada. (VLLM:1,129) [786]

Prega a san Antón mais non deixes a guillada dos bois. (VLLM:2,891) [787]

---

[782] Llópiz di que o recolle de E. Carré Aldao *(Refranes gallegos*, Coruña 1914).

[783] Llópiz explica *rouceiro* como remolón.

[784] VS: *coll'a aguillada*.

[785] Llópiz recólleo de Luís Otero Pimentel.

[786] Llópiz recólleo en 1925 en Monforte de P. Franqueiro.

[787] Ver nota a *San Antón, que a miña facenda compón...* no capítulo 12. *Crenzas e supersticións*.

Se queres que a aguillada aguante, córtaia no minguante. (VS4, Carb-L:201) [788]
Tanto fixo meu pai coa aguillada dos bois que pariu miña nai nove meses despois. (XMSH:20; XMSM:69; XSL:46; DXC:49; ZM:233) [789]

Véxase en 9.4.4. *Xungui-las vacas* as diferentes variantes d'*O gato do convento*.

As dalá de riba,
cando van co gando,
espetan a vara
e bailan o tango.
E bailan o tango,
e mais a muiñeira,
as dalá darriba
non hai quen as queira. [790]

As dalá de riba
cando van co gando
levan a aguillada
pra baila-lo tango;
pra baila-lo tango
e maila muiñeira;
ás dalá de riba
non hai quen as queira. [791]

Cando poño os bois ó carro
sempre digo: "¡Dios delante!"
Coa aguillada na man,
"¡anda, gallardo, pra diante!". [792]

Dicen que fas como os carros
que, non os untando, cantan;
¡heite untar, así eu medre!
pero ha de ser coa aguillada. [793]

Eu coa miña monteira
e co meu saio de lan
voume en casa do seu cura
coa aguillada na man. [794]

O que fixo teu pai
coa guillada dos bois,
que pareo túa nai
nove meses despois. [795]

Que lle fixo teu pai
ca aghillada dos bois
que pareu túa mai
nove meses despois
nove meses despois
nove meses despois
que lle fixo teu pai
ca aghillada dos bois. [796]

Que te fixo teu pai
coa aghillada dos bois
te pariu túa nai
nove meses despois. [797]

Teño boi e teño vacas,
tamén conseguín o arado,
ao dar a primeira sega
xa me partiu o aguillado. [798]

Teño bois e teño vacas,
tamén conseguín un arado,
ao dar o primeiro rego
xa partín o aguillado. [799]

---

[788] VS4 localiza este refrán en Buciños. Taboada Chivite di que *a madeira máis dura e que millor se conserva é a cortada na primeira sesta feira de lua cheia; a pior en lua nova. En xeral convén faguelo en lua vella pra que teña flesibilidade... Non embergantes, distínguese antre madeira de pé (tronco) e de aire (ramas). A primeira require lua nova; a segunda, vella* ("O culto da lua no Noroeste Hispánico" en XTC1:108). Lembremos aqueloutros refráns: *En minguante de xaneiro corta o madeiro* (UCA:36.18), *O madeiro pra a tua casa córtao no xaneiro* (ZM:169), *Prá túa casa, o madeiro cortado sempre no xaneiro* (XLF2:60).

[789] Tódolos informantes din *paríu*; DXC, XSL e XMSM: *despóis*; XMSH e ZM: *dispóis*. Outros informantes recólleno como cantiga e parece un caso claro de explicitación ou ampliación dun fraseoloxismo.

[790] Corme1:466. O lector interesado pode atopar numerosas variantes na epígrafe 9.11.3. *Bota-las vacas a pacer*.

[791] AS:24. No texto: *bailalo tango* (no primeiro verso), *bailalo o tango* (no segundo), *quenas*.

[792] XLF3:54. Localízaa en Melide. No texto: *mán*.

[793] MLP2:8, MLP3:217, XLF3:54. No texto: *com'os carros, qué, non-os, Y-heite de untar, co a aguillada* (MLP2); *fás, nonos, heite de untar* (XLF3).

[794] VLQ2:347. No texto: *co-a, co-o meu sayo, vóume, séu, co-a.*

[795] Coto2:83.

[796] SCHU6/2/1201. No texto: *qué.*

[797] SCHU6/2/1202. No texto: *qué.*

[798] XLRG:35.

[799] XLRG:31.

Xa llo dixen ó teu pai,
xa llo dixen despois
que che dera unha tunda
coa aguillada dos bois. [800]

Xa mo dixo teu pai
catro veces despois
que te chame a bailar
co a vara dos bois. [801]

De día como unha escada,
de noite como a aguillada. [802]

De día como unha escada,
de noite como unha aguillada [803]

Dous peludos
cun pelado;
e un fura-fura
e outro calca no rabo. [804]

Dous peludos
cun pelado;
unha fura-fura
e un calca-rabos. [805]

Dous peludos
cun pelado;
unha fura-fura
o outro calca no rabo. [806]

Dous peludos
e un pelado
e outro que lle colga o rabo. [807]

Dous peludos,
un pelado,
unha anguía
e un calca-rabos. [808]

Dous peludos,
un pelado,
unha anguía
e Xan Queitán. [809]

Dous peludos,
un pelado,
unha anguila
e un calcarrabos. [810]

Dous peludos,
un pelado,
unha miñoca
e un colea-rabos. [811]

Dous peludos,
un pelado,
unha miñoca
e un escarabanza. [812]

Dous peludos,
un pelado,
unha miñoca
e un escarrancado. [813]

No monte nace,
no monte se cría
e leva os bois
á corteduría. [814]

Unha cousiña tesa,
cabe na mau e non cabe na artesa. [815]

---

[800] TCha:28.
[801] VD:332.
[802] O atrelo do xustillo. APG:115, ACV1:137, Gud5:34; no texto: *coma* (Gud5). Tamén ANV5: 2,15: *com'onha, com'aguillada*.
[803] A agulleta do xustillo. APG:122.
[804] Os bois, o arado, a aguillada e mailo labrego. APG:89.
[805] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:351.187.
[806] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:351.
[807] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:351.187.
[808] Os bois, o arado, a aguillada e mailo labrego que anda atrás pinchando nos bois. VG:7.12.1985; ANV5: 2,15. Tamén ANV1:103: *anguila*.
[809] Paco Martín recolle tamén a forma *Xan Guindán* que, sen dúbida, é máis popular, polo menos nos romances, pero quédase con *Xan Queitán* por fidelidade á primeira que anotou. PM:352, APG:89: *Xán*.
[810] Os bois, o arado, a aguillada e mailo labrego. ANV1:103.
[811] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:353.189.
[812] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:353.189.
[813] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:353.
[814] A aguillada. TCha:99. PM:652.
[815] A aguillada. ANV5: 2,14.

9.4.9.3. O ferrete da aguillada

O uso do ferrete ou aguillón, punta metálica situada na punta da vara de chama-lo gando, é o que xustifica o nome de *aguillada.* Era necesario para torna-lo gando indócil ou para estimulalo cando tiraba polo carro, o arado, a grade ou a zorra. Era tan característico en Galicia o uso da aguillada con ferrete, que o poeta xeórxico Crecente Vega expresouno nestes versos, nos que lle constata outras dúas funcións:

A miña aguillada [816]

Quero unha aguillada que seña un tesouro,
que non teña falta dende a punta ó cabo,
feita dun caxoto de carballo mouro
criado entre silvas nun terreo escravo.
...
E ben enferrada con ferrón de aceiro,
porque unha aguillada que non ten ferrón
ni'é honra do dono, ni'é pau duradeiro,
nin limpa un arado nin fende un terrón [817].

A aguillada converteuse en símbolo sociopolítico como xa expresaran estoutros versos de X.M. Pintos Villar:

Ou Galicia, Galicia, boi de palla
Canta lástima ten de tí o Gaiteiro!
O aguillón que che meten é de aceiro
E con el muita forza te asoballa. [818]

O ferrete da aguillada estraga o coiro do animal, que chega a perde-lo 50% do valor de mercado; probablemente isto forzou a que a lei prohibise o seu uso; pero coidamos que a desaparición tivo máis que ver coa desaparición dos carros e arados de tracción animal, función na que era máis habitual o uso do ferrete para estimula-lo esforzo.

11858 **aguillón** *s.m.* Punta ou ferrete da aguillada. ERG di que o ferrete da aguillada está prohibido. *Ó boi rabelón, aguillón*. Vázquez Saco localiza esta voz na Devesa (Ribadeo). *O aghillón estaba perseguido nas feiras, pero máis que polos malos tratos aos animais era porque o seu uso como castigo furaba a pel e perdía valor para os peleteiros* (XVP2:162). (Cod., Cur., Dum., ERG, ERQ, Goián, Grixó, Gud., Gud5, Hermi., Mez1, San., VLLM, VS2, XVP2, ZM).

11859 **ferrón** *s.m.* Ver AGUILLÓN /11858. (VLLM).

11860 **ferrote** *s.m.* Ver FERRÓN /11859. *Si finco o meu ferrote / no pelexo dos bois, non digo nada: sair os fago a trote, / e mándeme o labrego / galvás, que eu pronto os ei de traguer a rego*. (AMoSa).

11861 **forrollo** *s.m.* Regatón de ferro que adoita te-la aguillada nun extremo. ERG defíneo como "Recatón, regatón, contera o virola de hierro que suele tener la *aguillada*.// Regatón que tienen los paraguas o bastones en la parte inferior". Quedamos coa dúbida de se estará definindo outra cousa, quizais unha peza metálica do extremo oposto. O caso é que nunca vimos unha aguillada con dúas pezas metálicas, unha en cada extremo. (ERG, LCA1).

11862 **forrón** *s.m.* Ver AGUILLÓN /11858. (Lobe2).

A boi rebelón, aguillón. (ZM:16; VS) [819]
Ó boi rabelón, aguillón. (VLLM:1,128) [820]

---

[816] XCV:251.

[817] Nota do editor: "*Pelada e lixada, a vara do campesiño precisa ser ferrada na punta, conferíndolle maior duración e resistencia. A colocación dun aguillón de ferro ou ferrón na cabeza da aguillada –previamente limado- converte este utensilio nun instrumento eficaz como auxiliar dos aradores para afalar ao gando, limpar a rella do arado, apoiar nos traballos de plantación, desbroce, etc*.".

[818] XMPV: 23. No texto: *è de aceiro, con él.*

[819] ZM: *A boi rebelón... aguillón*. VS comenta *Para vencer sus rebeldías*.

[820] Llópiz di que *boi rabelón* é *buey que se revuelve al mando* de onde se deduce que probablemente *rabelón* nada ten que ver con rabo senón con *rebelar*. Engade que procede dos refráns publicados por Leiras Pulpeiro no *B.R.A.G.*, VI.

Ao boi farón, pouco lle presta o ferrón. (VLLM:1,129) [821]
Ó boi pousón, pouco lle importa o aguillón. (ERG:boi)
Cativo boi, o que non sinte o ferrón. (VLLM:1,138) [822]
Pobre do boi que non sinte o ferrón. (VLLM:1,138) [823]

Miña comadre a picoa
ten un dente na coroa. [824]

Miña nai picona
ten un pico na coroa. [825]

Unha longa, longarela
cunha punta na cotela. [826]

Unha vella moumeona
que ten un dente na cona. [827]

Unha vella mui mexona
ten un dente na coroa. [828]

Vai a Roma e vén de Roma
cun picariño na croa. [829]

9.4.9.4. A xostra

11863 **bandullo 5** *s.m.* Correa de coiro para pegar nas vacas. (Gro1).
11864 **sóstrega** *s.f.* Ver XOSTRA 1 /11867. (Com1).
11865 **tralla 3** *s.f.* Vara pequena cun látego na punta para acirra-lo gando. (Ced., Grixó, Incio, XER).
11866 **xosta** *s.f.* Ver XOSTRA 1 /11867. (Forc1).
11867 **xostra 1** *s.f.* Vara delgada e flexible para golpea-lo gando. (Burón, Ced., Cod., Com1, ERG, Grixó, Piquín, Sob., Suarna, Vala., XER).
11868 **xóstrega** *s.f.* Ver XOSTRA 1 /11867. (ERG, XER).

9.4.10. O carro

Tal e como explicamos na introdución, nesta monografía do gando vacún incluímos canto constitúe o propio animal, os seus produtos e subprodutos, o gandeiro e as súas actividades e tamén aquelas cousas ou sitios que teñen contacto directo con el.

Na gandería tradicional o carro é un vehículo de transporte inseparable de vacas e bois e deu orixe a unha moi complexa nomenclatura que xa foi tratada en 1956 por Xaquín Lorenzo Fernández (XLF5) ("Nomenclatura del carro gallego"), posteriormente e de forma exhaustiva e etimolóxica en 1980 por Manuel González González (MGG) na súa tese de doutoramento *O xugo e o carro,* aínda hoxe inédita, e en 1994, dun xeito máis simplificado e divulgativo, por Xosé Luís Otero Cebral (XLOC) *O carro en Galicia*.

En 1940 o cineasta ourensán Antonio Román realizou, con guión de Xaquín Lorenzo, a curtametraxe (10 minutos) *O carro e o home,* que describe o proceso de construción dun carro do país na aldea de Facós (Lobeira) e a súa utilidade ata a desfeita final. Esta curta pódese ver en http://flocos.tv/curta/o-carro-e-o-hom/ [27.10.2009].

Nesta nosa monografía parece imposible substraerse á consideración do carro, do xugo e do arado por seren trebellos inseparables do gando. Con todo iso, decidimos limita-la nosa atención a aquelas partes do carro (e do arado) que teñen contacto físico co animal. O xugo, en cambio, considerámolo integro.

O carro, en calquera das súas variedades xeográficas, é un vehículo perfectamente axeitado ás necesidades de transporte do labrego tradicional e ás características orográficas do noso terreo. Pero no último terzo do século XX desapareceu de maneira brusca, substituído en parte por ese artiluxio coñecido

[821] Recólleo de A. Abizanda, 1874, *haciendo referencia a escritura gallega del s. XVIII*; e engade *Boy farón, buey roncero, cobardón o remiso*. A E. Espasa comenta o equivalente castelán así: *La persona lerda y perezosa, por mucho que la estimulen, nunca sale de su paso.*

[822] Llópiz define o *ferrón* como a punta pinchante do pau de chama-lo gando (*aguijadera*); di que o recolle dos *Refranes Agrícolas* de L. Otero Pimentel.

[823] Llópiz recólleo nos *Refranes Agrícolas* de L. Otero Pimentel.

[824] A aguillada. PM:554.

[825] A aguillada. PM:554.303. Outras variantes recollen os nomes de tío Antón e tía Marixoana.

[826] A aguillada. PM:512, APG:121.

[827] A aguillada. PM:1053; no texto: *monmeona*, que corriximos por semellar erro. Paco Martín, que a recolle do tomo VI do *B.R.A.G.*, engade que tería máis xeito se se referise á campá.

[828] A aguillada. XLF3:56. Localízaa nas Mariñas.

[829] A aguillada. XLF3:56, PM:1029, ANV1:91, ANV5:2,14. No texto: *ven* (XLF3); *ven, crôa* (ANV1); *c'un* (ANV5).


popularmente por *chimpín* e que é un motor de gasoil ou gasolina con dúas rodas ó que se lle engancha un pequeno remolque. Nos casos de economía máis sólida substituíuno o tractor [830]e mesmo ese camión estreito de fabricación galega chamado *carroceta*.

Na súa desaparición xogou un papel importante a aparición dos coches que, circulando a gran velocidade polas estradas de Galicia, mesmo polas máis secundarias, converteron o carro de paso de boi nun perigo público. Antes de desaparecer, o carro aínda ensaiou unha transformación consistente en substituí-las súas rodas de estrutura milenaria con llanta de ferro por unhas rodas de goma, reaproveitadas de calquera camioneta. Ben mirado, os camións de transporte de madeira en toradas tamén axeitaron ó novo vehículo algo típico da estrutura do carro: os fungueiros, que, neste caso, son de ferro.

Nos últimos anos xa empeza a ser moi difícil encontrar carros de vacas mesmo como mostra nunha exposición ou festa, como aconteceu en Meis (na Festa do Labrego de Vilariño, en 2004 [831]), en Ourense (Día das Letras Galegas do 2004), en Chantada (Folión de carros) ou en Lugo (festas de San Froilán do 2007). Ignoramos cal será o número de carros útiles pero ha ser ben cativo, aínda contando os que gardan algúns museos, algúns anticuarios e mailos que están ó ventimperio como elemento decorativo de xardíns, cubertos ou mesmo salóns. Unha das reutilizacións máis repetidas é a de converte-lo eixe e as rodas en soporte dun banco de xardín; outra é a utilización das rodas (ou do xugo) como lámpadas.

Posiblemente ningunha cousa pasou en tan pouco tempo de ser un elemento omnipresente da paisaxe galega (mesmo acusticamente) a ser unha pura lembranza dos maiores de cincuenta anos. É ben posible que a maior parte dos galegos menores de 30 anos xa nunca visen pasar un carro, nin oísen o seu chío nin coñezan o característico olor do eixe quente.

A maior parte dos carros galegos, polo que a xente conta, foron parar ó lume e disque centos deles marcharon para os países nórdicos exportados como antigüidades decorativas.



Zorras,rastras ou corzas utilizadas para arrastre de grandes pesos (XLF:726).

[830] En 1916 Paul Ford comeza a fabricar en serie os tractores. En 1919 as rodas metálicas cóbrense con bandas de goma. En 1964 disque había en Galicia 2.140 tractores (1,73% do total de España) e, no 2000, 127.553 (14,18% de España) (GEG2).

[831] Houbo que suspende-lo desfile de carros do país porque non se presentou nin un só (VG2:1.04.2004).

O carro, calquera carro por vello e escangallado que estea, leva escritas as coitas e os soños de varias xeracións dunha familia. Por iso se debe gardar en cada casa de aldea o carro como un tesouro, como un arquivo.

Falando do carro, presta ler en 16.1. os versos que Manuel María titula *O carro*; as palabras de Sabino Torres Ferrer tituladas *No río de Tomeza;* o poema de Lorenzo Varela *Os bois*; e en 16.2. o poema *Meu carriño* de Ramón Cabanillas e mailo poema *¡Ey, boy, ey!* de Valentín Lamas Carvajal. E, falando do carreteiro, presta le-la prosa que lle dedica Antón Comesaña titulada *O símbolo dos camiños* (16.1.).

Incluímos tamén a zorra e a corza, que son chedeiros sen rodas, utilizados para arrastrar grandes pesos, e que posiblemente son o vestixio de transporte máis primitivo antes da invención da roda. Parece ser que a testemuña máis antiga dun carro é unha cuadriga de Tell Agrab, que se data no 2600 aC.

11869 **boliaño** *s.m.* Carro. Na lingua dos cesteiros de Mondariz. (Mond1).

11870 **carro** *s.m.* Vehículo de transporte tradicional tirado por gando vacún. ERG recolle o diminutivo *carriño* e aclara que este termo se usa especialmente cando o carro é propio. (Común).

11871 **corza 2** *s.f.* Plataforma a modo dun chedeiro, sen rodas, que se utilizaba para transportar cargas moi pesadas. *Aínda se coñece nesta terra, coma polo sul de Ourense, o primitivo carro sen rodas: un forcón de carballo rexo, a 'corza', que na parte de unión ten un furo onde amarrar unha cadea da que se engancha a tamoncela pra turrar dela e levar grandes louxas arrastro* (Friei.:214). (Friei., Gud5, Mez3, Pentes1).

11872 **chiola** *s.f.* Carro vello e destartalado. *Chiolada* é a carga que pode levar un carro vello e escangallado tirado por unha xugada tamén de pouco valer. (ERG, FPR1, JMP, LCA, XLFG).

11873 **chiolo** *s.m.* Carro dunha soa vaca. (CGP1).

11874 **xavou** *s.m.* Carro tirado por un único bovino. (ERQ, Marín).

11875 **zorra 1** *s.f.* Vehículo de carga tirado por bois, formado por un chedeiro e que podía ter uns roletes ou mesmo unhas pequenas rodas baixo ese chedeiro. *A pedra das canteiras traspórtase nalgunha ocasión nos carriños baixos que se coñecen co nome de 'zorras', usados en todas partes e que costan dun tableiro montado sobre xogos de rodas feitos de ferro* (Velle1:158). *En Melide traballaban máis de vinte 'zorras' -carros baixos, para cargas pesadas- tirados por bois* (XRMF4:245). *Actualmente deixáronse de usar as 'zorras', aínda que vimos algunhas (Balouta, Teixeu). Consiste nunha galla de árbore de forma tirando a triangular, que leva por riba un 'estrau' de táboas ou paos, e da que turra unha xugada ou un só animal por medio dunha cadea. Debido a que vai arrastro, non se adoita usar máis que en treitos curtos e para carrexar cousas moi pesadas: pedras, troncos, leña grande, etc.* (Ancares:366-368). Posiblemente tamén camión tirado por bois en tempos nos que non había combustible no mercado: *Miraba coma un papón pra os tranvías, prá xente, pra os autos. Detívose alí un dises camiós chamados 'zorras', tirados por bois. Un dos bois ollóu moito pra mín. A min pareceumo. A súa ollada era unha ollada humá. Fitaba pra min coma si me coñecese de vello. Non puiden seguir alí. Erguinme e marcheime* (Cou3:62). (Ancares, Cou3, Velle1, XRMF4).

11876 **carro de bois** *s.comp.m.* Carro común un pouco máis grande e resistente por adicarse ó carreto de pedra e outras cargas pesadas. *Todo aquil día chovera a todo meter. A campa de Xan da Cruz estaba no camiño do camposanto. Toda ila se asulagara. Tiveron que levala caixa nun carro de bois* (Cou3:98). (Común).

11877 **carro de revegón** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Carro que en vez de lamias leva nas rodas uns cravos saíntes para mellor afincar no chan. *Así chamados porque teñen en vez de llantas uns enormes cravos ben xuntos, pro que fan a modo de moas. Así se esprica porque naquela terra xuncen os bois polo pescozo e non pola cabeza, porque dista sorte poden aguantar mellor os tumbos que a cada momento ten o carro que dar.* (XdM:150).

11878 **carro de vacas** *s.comp.m.* Carro común, un pouco máis pequeno e algo máis lixeiro có carro dos bois. (Común).

11879 **carro do país** *s.comp.m.* Carro típico galego. (Com1, Cre., Fri., Mel1).

Réinanos reproducir un texto de Florentino López Cuevillas [832], que en 1953 deu expresado, con sentimento e premonición, a total desaparición do carro galego.

[832] FLC:5.

Elexía prematura do carro de bois

Cando vexo as [833] estradas inzar por todos os lados, cando as miro chegar ás aldeias máis lonxanas e arrecantadas, i esparexerxe por altos e fondaes, i enlazarse entrambilicadas xa por mestas e apreixadas; cando as contempro nos documentos oficiaes ordeadas en categorías, como se fosen funcionarios de administración civil; e cando me pasmo da súa facilidade pra se convertiren en ramplas de acceso, e írense meter no cerne dos eidos e nos rosíos das casas, teño medo por tí, carro da miña terra, tallado con pau dos nosos rexos carballos.

Cando me dou de conta de que as camionetas carrexan estrume, e leña, i herba e palla, cando sinto o troquelear das malladoras e das erguedoras mecánicas, cando percibo que a aititude do paisano que agarra un volante é a aititude dun trunfador, e que por contra o paisano que tangue unha xugada camiña co ár tristeiro e canso do vencido, teño medo por tí, carro pousón da miña terra, pai de todas as paciencias e de todo os laios.

¿Quén sabe cántos anos e cántos séculos levas rolando polo mundo, vello carro dos nosos antergos? Na [834]terramara de Mercurago, ó pé dos Alpes, aparecéu unha roda como as de [835] agora co seu mión [836], as súas cambas e os seus ollaes; e a terramara de Mercurago é da Idade do Bronce. No exvoto da Arnoia, no Miño portugués, hai dúas xugadas xunguidas á canga en dous carros; e o exvoto da Arnoia é contemporáneo dos nosos castros. Mais, denantes das terramaras da Idade do Bronce e dos castros da Idade de Ferro, xa tí andabas a laiarte polos camiños do mundo, carro galego. E ninguén sabe cándo emprincipiaches a laiarte.

Eu téñovos ouvido na noite, cando carrexabades o pan prás eiras, ou cando viñades da serra a levar a casca prás pías dos curtidores de Allariz. E qué ben cantaban entón os vosos eixos, cómo alastrabades as notas longas e chiadeiras, unhas altas e outras baixas; qué a xeito se prendían unhas nas outras, e qué historias ían referindo ó que se paraba a escoitalas: historias de traballos nas terras, por primeira vez desabregadas; historias de demorados viaxes de invasión, nas que as tribus detíñanse eiquí e alá, como se deteñen os bandos dos parrulos que veñen do norte camiño da Limia; historias de guerra e de loita nas que parecían ouvirse os cantos bárbaros dos carros dos cimbros, e os cantos enrabechados dos carros de Procopio o hussita.

Mais, eu teño medo dos motores, medo das camionetas, medo da racionalización e da industrialización do campo; medo do esprito novo que, camiñando polas estradas, foise metendo nas aldeias e matando ós paisanos e o seu saber tradicional e os seus costumes e a súa maneira peculiar, e convertíndoos nises especiaes persoaxes que aínda non sabemos si chamar productores, ou granxeiros, ou cun nome que aínda non foi discurrido.

Eu sentiría que os carros do meu país pararan de andar polas rúas das nosas cidades, e pararan de laiarse nos nosos camiños aldeáns. Eu sentiría que foran desaparecendo uns tras outros, dise xeito calmo e impracabele, con que desaparecen as cousas que non han volver. Eu sei que choraría se soupera que logo, ó paso duns anos, non ía quedar dos nosos carros outra lembranza que os versos de Cabanillas que foi o seu Homero, e que os libros de Xoaquín Lorenzo, que vai ser o seu Herodoto.

¡Teñen desaparecido tantas cousas! Teñen desaparecido vestidos, enseres, verbas e xiros da nosa fala; e a fala mesma vaise esvaíndo como unha [837] brétema que corre o vento. E morreron crencias e costumeiras e beiles e músicas e cántigas; e árase, e seitúrase, e réndase caladamente, ou ó son dunha cantaruxa que veu quén sabe de onde. E se todo isto se foi, é de coidar que o carro váiase con istas cousas que eran as súas irmás, as súas amigas e as súas compañeiras.

Mais, ¿cándo isto que foi xa non sexa, quedará Galicia? ¿Haberá algo nos galegos de entón que os faga resucitar de entre os corpos mortos das súas propias criaciós, ou nascerán dises corpos mortos novas cousas, como nas Xeórxicas nascen os enxames das abellas das carnizas dos animaes [838]?

¡Quén sabe! Mais compre irse afaguendo á idea de que sexa o derradeiro carro, o que deite o derradeiro laio sobre o cadavre da nosa terra.

---

[833] No texto: *ás*. Coidamos que é claramente unha errata.

[834] No texto: *No.*

[835] No texto: *da*.

[836] No texto: *suión*. Coidamos que é claramente unha errata.

[837] No texto: *una*. Coidamos que é claramente unha errata.

[838] Virxilio relata a tradición de que na ribeira do Nilo sabían provoca-lo nacemento dun enxamio de abellas. Nun lugar estreito facían un chabolo cuberto e ben cerrado cunha ventá a cada un dos catro ventos por onde entrase a luz oblicuamente. Buscaban un xovenco de dous anos, matábano por asfixia e a somantas, co que lle quedaban as entrañas maceradas pero a pel enteira; metíano así morto no caseto, depositándoo entre garabullos, tomentelo e lavanda acabada de cortar. A fermentación do sangue do becerro disque producía a aparición de larvas que co tempo botaban a voar impetuosamente coma un trebón de verán: era o enxamio. O texto está na *Xeórxica* 4 (281-314). A isto é inevitable que engadamos nós un comentario: o método, ademais de brutal, é disparatado, porque os únicos insectos que se poden conseguir con iso son... moscas. Esta teoría, de orixe probablemente oriental, era aceptada polos eruditos antiguos: Columela (*Rei rusticae libri* 9,14) que llo atribúe a Demócrito, di que a bosta de boi e as abellas son consanguíneas;

Ver tamén en 12.3.4. *Abril* e 12.3.5. *Maio* refráns da serie *A auga de abril...* e *A auga de maio...*

A auga de abril enche o carro e o carril. (DRAG; ZM:15; EAG:33) [839]
A auga de maio carga o carro. (PdM:7) [840]
Maio pardo carga bois e carro. (XTC4)
Maio pardo e san Xoán craro ateigan carril e carro. (MV89)
Maio pardo e san Xoán enxuto, quebran os carros co fruto. (Gud5:101)
A carro entornado nun lle faltan carrileiras. (XBG:480)
Ao carro crebado nunca lle faltan petoutos. (XLF3:60) [841]
Ao carro que está derrubado poucos lle fan caso. (XLF3:60)
Desque pasou o carro non lle faltan carrilleiras. (XLF3:61) [842]
Antes na corredoira nun chiolo, que no medio do mar nun barco novo. (CGP:107) [843]
Primeiro me vexa nun carro vello do que no mar nun veleiro. (CGP:109)
Ao que ten carro e muller non lle falta que facer. (XLF3:60)
As enchentes de san Simón sonadas son; ou antes ou despois enchen o carro e mailos bois. (EAG:45; XLF3:66) [844]
As vacas e os carros non queren ser [empezados] nin acabados. (VS4: Vilalba)
Cando o carro non garda os clavos, mala conta. (Carb-L2)
Carreteiro que non unta o carro, non sai do camiño. (UCA2:41; ERG:untar; XLF2:27; XLF3:58; ZM:60; VS) [845]
Carreteiro que non unta o carro, os bois non tiran. (UCA2:41; VS)
Carro que non se unte non anda. (XTC4)
Ningún carro anda ben se con xabrón non untan. (XLF3:59)
O carro untado anda ben detrás dos bois. (VS)
O carro untado anda ben tras dos bois. (Antas4) [846]
O carro untado anda moi ben atrás dos bois. (Antas4)
O carro untado vai atrás dos bois. (XLF3:58) [847]
O que non unta o carro quédase ás veces na corredoira. (ERG:untar)
Quen o carro unta, ós seus bois axuda. (ERG:untar)
Quen o seu carro unta, ós seus bois axuda. (ERG:carro; XLF3:58; VS) [848]
Quen seu carro unta, seus bois axuda. (PdM:18)
Se queres que o carro ande, úntalle o eixo das rodas. (XLF3:58)
Carro derradeiro, ben cargado, ben baldeiro. (XLF3:57; MVN; Mel2:464) [849]

Varrón (*De re rustica* 2,5,5) recunca: "do boi putrefacto nacen as dulcísimas abellas, nais do mel" e en 3,16,4: "as abellas nacen das abellas pero tamén dun boi putrefacto e por iso Arquelao lles chama 'a vagante prole dun boi morto'". Para Ovidio (*Metamorfoses* 15,361 ss) este "feito" é unha mostra das continuas transformacións a que están sometidas as cousas. Esta estraña crenza estivo viva na Idade Media e parece que aínda cría nela un escritor francés (Olivier de la Serre) de principios do século XVII (TCu:15).

[839] No texto: *d'abril, henche* (EAG). Engade Álvarez Giménez o paralelo castelán: *Agua de abril llena el carro y el portillo*, explicando que *llenar el portillo* é *frase hiperbólica para indicar la abundancia del fruto*. Debemos mencionar tamén que Zamora Mosquera recolle estoutra forma que non sabemos se considerar erro ou variante: *O viño de abril enche o carro i o carril* (ZM:185).

[840] No texto: *Mayo*.

[841] Explica Xaquín Lorenzo que o refrán expresa *El desprecio por lo inútil y también la tendencia a abusar del caído*.

[842] Indica a inutilidade de buscar solucións unha vez superado un problema.

[843] Os mariñeiros están de pé atrás cos barcos novos ata que pasados dous anos demostran que vogan ben e son seguros. Aínda que tamén pode ser este un deses refráns nos que os da montaña atacan ós da beira do mar (e viceversa), do que hai exemplos tamén en cantigas. *Chiolo* é carro vello e cativo, dunha vaca nada máis.

[844] No texto: *Las henchentes, henchen, e mais os* (EAG); *mais os* (XLF3).

[845] No texto: *sal* (UCA2, ZA, VS). Saco comenta *Con aplicación figurada a las recomendaciones para mover un asunto*, e engade as seguintes equivalencias: *Quien su carro unta, sus bueyes ayuda* (Sbarbi), *Carro que no se unta, no se ayuda* (R. Marín), *Carretero que no unta la rueda, atascado se queda* (R. Marín).

[846] Refírese ás recomendacións.

[847] Localízao nos arredores de Ourense.

[848] XLF3: *aos bois*. VS: *Quen seu carro, os bois*. A E. Espasa (s.v. *carro*) comenta que *los obsequios que se hacen en tiempo oportuno conducen indirectamente al buen éxito de lo que se desea alcanzar.*

[849] No texto: *baleiro* (XLF3); *bèn baldeiro* (MVN); *baleiro* (Mel2). Xaquín Lorenzo dáno-la seguinte explicación: *Lo difícil que es calcular el total de una cosecha nos lo dice éste, ya que no se sabe si habrá carga para el último carro. En realidad, el refrán condensa el pensar del que anda con su vehículo en un carreto: si llega el último, quizás no haya carga para él; pero también se expone a tener que llevar todo lo que sobre si los demás carros ya cargaron la parte que les correspondía.*

Carro derradeiro, mal prós bois e pró chideiro. (VS)
Carro derradeiro, ou mui cargado ou baleiro. (ZM:60) [850]
Carro entullado non sai se o home vello non vai. (XLF3:61)
Carro entullado non sai se o vello non vai. (XMSH:38)
Onde vello non vai carro non sai. (XTC4; ANV1:90; XLF2:50; XLF3:61)
Catro bois nun carro ben tiran pra arriba e millor tiran pra abaixo. (ERG:boi)
Catro bois nun carro, se ben turran pra arriba, millor turran pra abaixo. (ERG:carro; Xinzo2 ; XLF3:62) [851]
Co eixo e coas rodas do carro, cómpre coidado. (XLF3:60) [852]
Co eixo e coas rodas do carro, sempre coidado. (ZM:63)
Deus diante e o carro que cante. (ERG: Dios; UCA2:34; ZM:81; XLF3:64) [853]
Dios me die pacencia e un carro pra levala (XLF3:67)
En maio que chova ata entullarse o carro. (NevesC)
Home parado non carga o carro. (XLF3:64) [854]
Labrador sen carro, é como a vaca sen rabo. (Sob3)
Labrador sin carro, can sin amo, curro sin valado e nena sin amor, sonche a cousa pior. (XMSM:76; XLF:64) [855]
Lugar sin carro, can sin amo, bácoro sin porca e moza sin amor non che hai cousa pior. (XLF:64)
Maínzo raro, dá cesto e carro; maínzo mesto, nin carro nin cesto. (XLF3:60; ZM:132) [856]
O millo mesto vai no cesto; o millo raro vai no carro. (XLF3:60)
O pan raro carga o carro. (XLF3:60)
O vasto vai no carro e o mesto vai no cesto. (Curro) [857]
Máis vale un carro de vacas ca un carro de bois. (XLRG:60) [858]
Meu carriño novo ¿quen te fai vello? - Catro meses de vran e oito de inverno. (MVN2:94; ZM:137; XLF2:41) [859]
Meu carriño novo, quen te fará vello? -Catro meses de vran e oito de inverno. (XLF3:63)
Meu carriño novo, ¿quen te fará vello? -Tres meses de vran e nove de inverno. (ERG:carriño)
¿Quen te acabou, meu carriño vello? O sol do vrau i a auga do inverno. (Mondo4:53) [860]
Na casa do home probe, carro de clavo e caldeiro de cobre. (Carb-L2) [861]
Nin por arrodeo nin por atallo deixa-lo camiño do carro. (XLF3:61) [862]
Non se pode guiar ben o carro se non se trepa o barro. (XLF3:60) [863]
O carro máis millor pódese emborcar. (ZM:164)
O millor carro pode torcer. (XLF3:61)
O millor carro pódese emborcar. (XLF3:61)
O carro non é grande se as vacas son valentes. (VS4) [864]
O carro que renxe, sempre alegra ao carreteiro. (XLF3:60)

---

[850] No texto: *valeiro*.
[851] No texto: *baixo* (XLF3); *mellor, para* (Xinzo2); Xaquín Lorenzo lembra o paralelo *Costa abaixo todolos santos axudan*.
[852] No texto: *compre*.
[853] No texto: *Dios* (ERG, UCA2); *Dios, i o carro* (XLF3). Para Xaquín Lorenzo aconsella confiar na providencia á vez que nos esforzamos. Como aqueloutro *A Dios rogando e co mazo dando*.
[854] Recólleo na Mariña. Explica que aínda que sexa bo confiar na providencia, non se pode esquecer que o noso traballo é indispensable.
[855] Xaquín Lorenzo explica que se refire á falta do carro como símbolo de pobreza. Tamén temos: *Lugar sin carro, can sin amo, bácoro sin porca e moza sin amor, non che hai cousa pior* (XMSM:76; ZM:128).
[856] No texto: *Manzo raro* (sic) (ZM).
[857] Refírese ás tarefas agrícolas coma o millo ou tamén ós labores da viña.
[858] Un carro de bois (metonimia dunha parella de bois) vale para o carreto de grandes pesos: toradas de carballo ou bloques de pedra; pero un carro de vacas (metonimia dunha parella de vacas) vale para o carreto (de cargas de menos peso) pero tamén trae unha cría e tamén dá leite. É dicir: á vaca sácaselle outro proveito a maiores do simple carreto.
[859] No texto: *cariño* (sic), *nóvo, quén, véllo, d'invérno* (MVN2); *quén* (ZM); *quen te fixo vello?* (XLF2).
[860] No texto: *Quén, d'o vrau, y-a, d'o inverno*.
[861] Porque *o pobre se honra co millor, e as alfaias úsaas a diario*.
[862] Localízao nas Mariñas. No texto: *deixalo*.
[863] Para conseguir algo hai que vencer unha serie de dificultades, hai que mancharse as mans.
[864] No texto: *s'as vacas*. VS4 explícao así: *O caso é traelo, na casa... vai ben, non é moito ¡nunca é grande!*.

O longo do eixe, de nove cortado e de oito botado. (XLF3:59) [865]
O que é amigo de poñe-lo carro antes que os bois, o que debía facer antes, faino despois. (VS)
O que ha de canta-lo boi ten que ilo cantando o carro. (ERG:boi; VS) [866]
O que han canta-los bois, vaino cantando o carro. (ERG:cantar) [867]
O que o boi non pode cantar, cántao o carro. (VLLM:1,149) [868]
O que non canta o carro, cántano as dentoiras. (XLF3:62) [869]
O que non ten carro, anda antes ou anda despois. (XLF3:61) [870]
O que non ten carro e bois, ou anda antes ou anda dispois. (ZM:179) [871]
O que non ten carro nin bois, anda antes ou despois. (ERG:carro; EAG:24; MVN2:99; VS) [872]
O que non ten carro nin bois, anda denantes ou andará despois. (XLF2:54)
O que non ten carro nin bois, ou anda antes ou anda dispois. (ERG:carro) [873]
O que non ten carro nin bois, ou anda antes ou dispois (VLLM:1,149) [874]
O que non ten carro nin bois, ten que andar antes ou dispois. (VS) [875]
O que non xungue bois, carro non deborca. (VLLM:1,149) [876]
O que queira vivir do carro, que o leve sempre ao seu coidado. (XLF3:60) [877]
O que vén atrás, que traiga o carro e os bois. (VS) [878]
Vamos indo, o que veña despois que traiga o carro e os bois. (VS) [879]
O zapato cuspilo, o carro batelo i o unto comelo. (XTC4) [880]
Onde cabe un carro cargado, ben cabe un home ó seu cabo. (MVN; XTC4; ZM:187; XLF3:57) [881]
Por onde entra o carro, millor entra o carreteiro. (XLF3:56)
Por onde pasa un carro cargado, ben pasa un home a cabalo. (XLF3:57)
Para o carro e mexaranche os bois. (ERG:carro; XLF3:62; VS) [882]
Por onde entra o carro, millor entran os bois. (VS)
Presta carro a quen ten carro. (ZM:199; XLF3:62) [883]
Quen vai en carro, nin vai a pé, nin a cabalo. (MVN) [884]

---

[865] Localízao en Chandrexa de Queixa e engade que máis que refrán é unha regra de oficio, que *aconseja que el tronco de que se va a hacer el eje tenga nueve cuartas de largo, pues aunque éste mida ocho, como tiene que secar durante algún tiempo, los extremos se deterioran y es menester recortarlos algo, quedando entonces del tamaño justo*.

[866] ERG: *cantar o boi, tèn*. VS*: i-lo*. A E. Espasa comenta un paralelo semellante así: *denota que lo que uno pudiera hacer con fundado motivo, lo hace otro sin causa ni fundamento*. Saco ofrece o seguinte equivalente castelán: *Lo que ha de cantar el buey, canta el carro* (Correas).

[867] ERG: *cantar os bois*.

[868] Llópiz: *o canta*, que corriximos por erro na colocación do pronome átono, non infrecuente nun Llópiz ferrolán; anotamos, porén, que o refrán foi recollido en Monfero, que non está moi lonxe.

[869] Indica que o que máis se queixa non é sempre o que fai o verdadeiro esforzo. Faino equivaler ó castelán: *Lo que ha de cantar el carro, canta la carreta*.

[870] Localízao nas Mariñas e explica que *La pobreza es una calamidad que proporciona una serie de trabajos que de otro modo serían innecesarios*.

[871] No texto: *dispóis*.

[872] No texto: *O quen non* (sic) (EAG); *tén, despóis* (MVN). VS comenta que *Al carecer de cosas necesarias, ha de hacer los trabajos, cuando no es tiempo ni sazón.*

[873] ERG: *tèn*.

[874] Llópiz recólleo de E. Álvarez Giménez (*Refranero Agrícola y Metereológico,* sic), que realmente di *despois* (p. 24).

[875] No texto: *qu'andar*. VS comenta que *El que no tiene carro ni bueyes (u otro servicio cualquiera), tiene que pedirlos prestados antes o después de haberse servido el dueño de ellos.*

[876] Llópiz explica que a todo carreteiro lle dá a volta o carro algunha vez; recólleo en Augas Santas, preto de Allariz. Nótese a colocación das palabras co verbo ó final.

[877] Faino equivaler ó rf. castelán: *Hacienda, tu dueño te vea*.

[878] VS: *y os bois.*

[879] VS: *i-os bois*.

[880] No texto: *i-o*.

[881] No texto: *bèn, hòme, á seu cabo* (MVN); *o seu cabo* (XTC4, recólleo do *Diccionario* de Valladares); *ao* (ZM); *caibe, a seu cabo* (XLF3). Para Xaquín Lorenzo é un *refrán que nos enseña que no debemos abandonar una empresa por dificultades de poca monta, ya que, en donde hay espacio suficiente para que quepa un carro, no es mucho que haya sitio para un hombre, aunque vaya a caballo; es decir, que vencido lo peor, no debemos abandonar un asunto por dificultades pequeñas.*

[882] No texto: *carro, e mexaránche* (ERG); *Pára, mexaránche* (XLF3). Explica Xaquín Lorenzo que *el hombre prudente da descanso a su ganado para que el trabajo rinda más*. Saco dá o equivalente castelán: *Para el carro, y mearán los bueyes* (Hernán Núñez).

[883] Refrán de indudable egoísmo, porque aconsella facer favores só a quen poida devolvelos.

[884] No texto: *quèn, vay á pè, á cabalo* (MVN). Xaquín Lorenzo explica que no refrán se condenan os términos medios.

Quen vai en carro, non vai a pé nin a cabalo. (XLF3:57)
Se a morte non nos para o carro todos teremos un camiño andado. (XLF3:65) [885]
Se san Xoán vén craro e maio pardo, da leira prá casa chirriará o carro. (XTC4) [886]
Si queres que o caro ande, úntalle o eixo das rodas. (ZM:229)
Si queres que o caro cante, móllalle o eixo no río. (ZM:229)
Sin cuñas non canta o carro. (XLF3:58) [887]
Tal é o carro da Madalena, tales son os fungueiros que leva. (XTC4; XLF3:66) [888]
Tal é o carro, tales as fungueiras. (PdM:20)
Tal é o carro, tales fungueiros leva. (MPR:270; ZM:234) [889]
¡Tales carros, tales fungueiros! (PRIVAS) [890]
¡Tales carros, tales nabos! (PRIVAS)
Tan bo é o carro coma os estadullos. (XLF3:66) [891]
Tanto ten o carro coma os fueiros. (Antas4) [892]
Unha roda sola non leva o carro ó monte. (XLF3:58) [893]
Vacas vellas e carros vellos, non é caudal. (VS)

O mítico carro de ouro

Hai un bloque de refráns que pretenden describi-lo tempo ideal que desexa ter un agricultor para asegurar unha boa colleita e que curiosamente se foi desmembrando a medida que se ía perdendo a memoria do conto popular que reúne de maneira mnemotécnica toda esa ciencia meteorolóxica (XFR6:74-77).

Taboada Chivite (XTC4), comentando o refrán *Maio pardo, san Xoán craro, valen máis as cosechas do ano que os bois e o carro*, refíreo así:

> *Cuentan que un rey construyó un carro y unos bueyes de oro y mandó que todos vinieran a ver si algo podía valer más que esto. Un campesino entró también a verlo y dijo este refrán que convenció al rey.*

Gumersindo Placer (GPL:19-20) contouno con estas palabras:

> *Y así como nuestros conocimientos no manan solamente de la experiencia, así el refrán proviene también de otras fuentes. Entre éstas, las más usadas suelen ser las fábulas, cuentos populares, e historias viejas. Y el refrán coge de todo eso, como en síntesis, unas veces la moraleja, otras el personaje, y muchas el rasgo más saliente.*
>
> *Esto sucede en aquel refrán: Mayo pardo e San Juan claro, valen máis qu'as mulas y-o carro; que tiene una bella historia.*
>
> *Se cuenta que un rey oriental, cansado de la corte, quiso correr las tierras en busca de sabiduría. Hizo un carro de oro, uncióle dos mulas también de oro, y marchó.*
>
> *Cierto día que pasaba por una aldea gallega donde un paisano labraba sus campos, paróse ante él y le dijo: "Decid, buen hombre, ¿qué cosa habrá, que valga más que mi carro y las mulas que lo arrastran?" El labrador, ofuscado por tanto brillo, y extrañado por la pregunta, miró a sus campos y dijo al rey: "Mayo pardo e San Juan claro, valen máis qu'as mulas y-o carro".*
>
> *Acuciado el rey por la respuesta, quiso saber su sentido. Y el paisano, señalando sus campos, dijo: "Señor, si la cosecha es buena, como en Mayo es el tiempo propicio para la germinación, conviene que este mes sea pardo, es decir, nuboso. Pues con la lluvia se pudrirían las cosechas, y con mucho calor se agostarían y no podrían crecer. Después de Mayo pardo, conviene que San Juan (Xuño), sea claro; es decir, cielo claro, limpio y*

---

[885] No texto: *pára*. Explica que *todos tenemos una misión que cumplir en la vida, aunque ésta pueda ser truncada cuando menos lo esperemos.*

[886] No texto: *ven*.

[887] Localízao en Lobeira. Xaquín Lorenzo engade este comentario: *Cuando un campesino tiene que resolver algunos problemas en centros oficiales, tropieza a menudo con una serie de dificultades de tipo administrativo que no siempre puede resolver sin conquistarse antes la benevolencia de algunas personas influyentes: esto creó en el campo un cierto escepticismo respecto al desinterés de tales individuos, que inconscientemente generaliza, y que expresa gráficamente diciendo que 'Sin cuñas non canta o carro'.*

[888] XLF3: *Madanela*; engade que *equivale a otra frase que se oye mucho: 'Tan bo é Xan coma Perillán', es decir, tan bueno es uno como otro.*

[889] No texto: *he o carro, fungueyros* (MPR).

[890] Para ben ou para mal, todos saímos á familia, non só no físico senón no comportamento social.

[891] Indica o desprezo que nos merece unha mala obra de quen non se pode esperar outro comportamento.

[892] Tanto ten unha cousa coma outra.

[893] *Porque como nadie se puede valer por sí solo, una ayuda nos es necesaria a todos en ciertos momentos de la vida*.

soleado, para que los frutos alcancen su máxima madurez. Dadme ¡oh rey! unos campos con estas condiciones y no os envidio vuestro tesoro".

Admirado el rey de tan sabia contestación, púsole en la cabeza su propia corona, y picó a las mulas, que marcharon cascabeleando entre los frutos.

Nun conto recollido en Palas de Rei (XPP:117) este é o desexo dun campesiño que renuncia á promesa dun *señor* que lle ofrece un carro de ouro coas súas mulas, tamén de ouro, a cambio de esquecer *todo o que ten que facer*. O campesiño rexeita a oferta e prefire que o tempo veña *como ten que vir*, o que explica así: *Nadal, nadar,/ xaneiro, xiadeiro,/ frebeiro* (sic)*, reghadeiro,/ en Marzo, nin mexo de gato,/ en Abril augas mil,/ en Maio pardo,/ e San Juan claro,/ valen más que las mulas y el carro*.

¿Que rei era este? Un refrán, recollido por Vázquez Saco, trata de encher o baleiro desta incógnita. Di así: *As catro escarchas de xaneiro, as catro nevadas de febreiro e as doces augas de abril valen máis que o coche de Santo Rei David.* Non lle coñecemos base bíblica a este asunto.

Laureano Prieto (LP2:46) dá unha versión distinta, situando a acción en Madrid entre un galego e o bispo de Madrid.

¿E quen era o labrego con quen falaba o rei? Para Vázquez Saco o labrego do conto era un labrego galego. Cando comenta o refrán *Marzo airoso, abril chuvioso...* di que *tiene por base la leyenda conocida del rey que obtuvo esta respuesta de un labriego gallego, cuando el monarca le preguntó qué valdría más que el carro de oro y las mulas también de oro que lo conducían*.

Pero aínda hai refráns paralelos que nos permiten ver máis detalles da peza de orfebrería. Cando Vázquez Saco ofrece o refrán *Unha auga de maio e tres de abril valen por mil,* ofrece as seguintes variantes: P.: *Uma água de maio e 3 d'abril, valem por mil* (Chaves); E.: *Más vale un agua entre abril y mayo, que toda la plata que hay en el Ochavo* (R. Marín, e explica que '*ochavo*' *es el famoso relicario de la Catedral de Toledo*); *Más vale agua en abril que los bueyes y el carro del rey David* (R. Marín); C.: *Una pluja de maig i tres d'abril valen més que els bous i el carril* (Sanchis).

Vexamos agora os refráns coas súas finas variantes.

Xaneiro e san Xoán craro valen máis que os bois e o carro. (XTC4)

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, amoroso; marzo, aireoso; abril, chuviñoso; maio, pardo; San Xoán, claro, valen tanto coma os bois e o seu carro. (Vilaf.) [894]

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, amoroso; marzo, ventoso; abril, chuviñoso; maio, pardo, e San Xoán valen moito máis que os bois i o carro. (Parade.:304)

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, espadeleiro; marzo, espigarzo; abril, espigas mil; maio, pardo, e San Xoan, claro, valen máis que os bois i o carro. (Parade.:150) [895]

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, espadeleiro; marzo, ventoso; abril, chuviñoso; maio pardo; e San Xoán valen máis que os bois i o carro. (Parade.:304) [896]

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, fervereixeiro; marzo, aireoso; abril, chuvioso; maio, pardo e San Xoán craro valen máis cós bois e o carro. (XTC4) [897]

Xaneiro xeadeiro, febreiro freboso, marzo ventoso, abril chuvoso e san Xoán craro, valen máis estes seis meses do ano que os bois do rei e mais o seu carro. (VS)

Xaneiro xeadeiro, febreiro manadeiro, marzo pardo, san Xoán claro, valen máis que os bois e o carro. (VS) [898]

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, por cada queille seu regueiro; marzo, marzán; abril, fóra do cubil; maio pardo, val máis cós bois i o carro. (TCha:91) [899]

---

[894] No texto: *S. Juan, comos bois*.

[895] *Febreiro espadeleiro* fai alusión ó tempo en que se tasca o liño. No texto: *mais*.

[896] No texto: *mais*.

[897] XTC4. Unimos nun só refrán dúas variantes que recolle Taboada Chivite: nun caso, *ferveixeiro, mais*; noutro, *cureoso* (por *aireoso*)*, Xan Xoán, mais, que os*.

[898] VS presenta outra variante: *san Xuán, máis cós bois.* No texto: *i-o carro.*

[899] TCha: *fora, que os*; semella unha mestura dun refrán da vaca con outro referido ás sucesivas idades do raposo (UCA:36.14) ou do lobo (TCha:96: *Xaneiro, xeadeiro; febreiro, fervedeiro; febreiro, añeiro; febreiro, cabriteiro; marzo, pelarzo; abril, con día no cubil; marzo* (sic) *aínda a vella esqueira o refaixo; en san Xoán sécalle a raíz ó pan; polo San Pedro sécalle a do medio; polo Santiago, fouciño ó agro; en agosto, ovellas ó rostro)*. TCha estrañamente di *marzo pardo*, supoñemos que por errata por *maio,* e explica que *queille* ou *quenllo* é a parte máis fonda dunha valgada; e que polo agosto o lobo xa anda á caza, ó rastrollo ou restroballo.

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, por cada surco un regueiro; marzo, espigarzo; abril, espigas mil; maio, craro; xunio, fouce no puño; destes meses que eu lle falo valen máis que os bois e o carro. (XTC4) [900]

Xaneiro, xeadeiro; febreiro, por cada surco un regueiro; marzo, espigarzo; abril, espigas mil; xunio, fouce no puño; destes meses que che falo, valen máis que os bois e o carro. (VS) [901]

Xaneiro xeadeiro, febreiro revolvedeiro, marzo ventoso, abril choviñoso, maio pardo e san Xoán craro valen(lle) máis cós seus bois e o carro. (VS) [902]

Xaneiro xeeiro; fabreiro amoroso; marzo escalabroso; abril chuvioso; maio pardo; san Xoán claro; aí vai a cosecha de todo o ano. (VS) [903]

Xaneiro, xiadeiro; febreiro, febreiceiro; marzo, aireoso; abril, aguas mil e maio pardo e San Xuán claro, valen boi e carro. (XTC4) [904]

Díxolle un paisano a Xúpiter: "Marzo airoso, abril chuvioso, maio louro, e San Xoán craro, como ollo de galo valen máis que os bois e o carro". (XTC4) [905]

Marzo airoso, abril chuvioso, maio louro, san Xoán craro, como ollo de galo valen máis que os bois e o carro. (VS) [906]

Marzo airoso, abril chuvioso, maio pardo e San Xoán craro valen máis que os bois e o carro. (XTC4)

Marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo, san Xuán claro, vale máis cós bois e o carro. (VS) [907]

Marzo esparabarzo, abril mollado, maio pardo e san Xoán craro, valen un carro de ouro cargado. (ELS:63) [908]

Marzo, espigarzo; abril augas mil, maio pardo e San Xoán craro valen máis que os bois e o carro. (XTC4) [909]

Marzo ventoso, abril chuviñoso, maio pardo e San Xoán claro, valen máis cós bois e o carro. (Vilam.)

Marzo ventoso e abril chuvioso, maio pardo, San Xoán claro, valen máis cós teus bois e mais o carro. (Sob3) [910]

Abril chuviñoso, maio louro e San Xoán claro, valen máis cos bois e o carro. (Grou)

Augas mil en abril, maio pardo e san Xoán craro, quéroo millor cás vacas i o carro. (Vald4; SCD:12) [911]

Dúas augas de abril e unha de maio valen os bois e o carro. (ERG:auga; ERG:duas) [912]

Máis vale auga entre abril e maio que os bois e mais o carro. (VS) [913]

Máis val turbón en abril cós bois i o carro e quen vai nil. (GEG:abril; ZM:267) [914]

Un día de abril e outro de maio, se son de tempo axeitado, valen os dous tanto coma os bois e o carro. (ERG:dia; NevesC) [915]

Unha auga de abril e dúas de maio valen máis que os bois e o carro. (VS)

Val máis un torbón de abril cós bois e o carro e aquel que vai nil. (ERG:abril) [916]

Val máis un turbón de abril que os bois e o carro e quen vai nil. (ANV2:17; VS; ZM:247) [917]

---

[900] XTC4: *fevreiro, mais.*

[901] VS presenta outra variante: *máis cós bois.* No texto: *i-o carro.*

[902] No texto : *Joán, i-o carro*.

[903] No texto: *ahí.*

[904] XTC4: *Xuan*.

[905] Recolleuno en Verín, de D. Eduardo Román, 46 años. No texto: *mais*.

[906] No orixinal mecanoscrito Saco escribe: *San Xoán como ollo de galo*; no manuscrito escribe: *mayo, craro como ollo de galo, mais que os bois e o carro.*

[907] No texto: *lluviñoso, mayo, Xuan, más cós bois i-o carro*.

[908] No texto: *Mayo, Joan, d'ouro*.

[909] No texto: *auga*.

[910] No texto: *S. Xoán, cos teus bois*.

[911] No texto: *Xuan, claro, queroo, cas, io* (Vald4); *Juan, quero, cas, io* (SCD).

[912] ERG: *duas*.

[913] No texto: *mayo*.

[914] No texto: *que os* (ZM). E tamén *As augas de abril, enchen o carro e o carril e á señora que vai nil* (Morei:369), *Auga d'abril, ench'o carro, y-o carril* (ANV2:17).

[915] ERG: *comos*.

[916] ERG: *que os, i aquel.*

[917] No texto: *Val mais un turbón d'Abril que os bois y-o carro e quen vai n-il* (ANV2). VS no seu ms. escribe *torbón d'abril, c'os, y-o.*

Val máis un turbón de abril que os bois, o carro e quen vai nil. (XLF3:59) [918]
Vale máis o torbón de abril cós bois e o carro e aquel que vai nil. (XTC4) [919]
Vale máis un turbón de abril cós bois e o carro [e aquel] que vai nil. (NevesC) [920]
Maio pardo e san Xoán claro valen máis cós bois e o carro. (Camb1:71; Castre.; NevesC, VS) [921]
Maio pardo e san Xoán craro valen máis cós teus bois e o teu carro. (VS) [922]
Maio pardo e san Xoán craro valen máis cá Señora e o carro. (ERQ1:114)
Maio pardo, san Xoán craro, valen máis as *cosechas *do ano que os bois e o carro.* (XTC4)
Vale máis maio turbio e San Xoán craro cós meus bois e mailo carro. (Vala.)
Vale máis un sanxoán claro que un boi e un carro (Xinzo2).

O coche e os cabalos [923]

Unha vez era un rei, e convidou [924] a comer a muita xente: marqueses, condes e xente rica. Dispois [925] que rematou a comida, o rei mostróulles un coche con dous cabalos, de ouro macizo os dous cabalos, e preguntóulles aos convidados canto valería:

- *¡Sabe Dios canto!*- decían uns.
- *¡Canto valerá!* – decían outros.

Pro o rei non quedou contento coa resposta, e convidou a uns labregos, pra despois mostrarlles o coche cos cabalos de ouro e facerlles a mesma pregunta:

- *¿Canto valerá?*

Un labrego respondeu:

Xaneiro rabioso,
febreiro amoroso,
marzo ventoso
i algo chuvioso,
abril de augas,
maio pardo,
San Xuán e Santiago claros,
valen máis que o coche i os cabalos.

Un carro de ouro [926]

Un gran señor iba por un camiño cun [927] carro carregado.
Un labrego preguntoulle:
-¿E que leva aí [928], ay señor?
- Un carro de oro
- Levará, señor, levará; pro mire:

Xaneiro, xeadeiro;
Marzo, venteiro;
Abril, chuviñeiro;

[918] No texto: *níl*.
[919] Recólleo do calendario *O mintireiro verdadeiro 1969*. No texto: *que os*.
[920] No texto: *que os*, *e o carro que vai nil*, que corriximos por parecernos un erro evidente.
[921] No texto: *que os* (Camb1); *Xoan, que os bois* (Castre.). Nos materiais mss. de VS encóntrase: *san Juan, i-o carro.* Outro refrán di: *Mallo pardo, Xan Xuán claro, valen máis que o boi e o arado* (Maceda2), e en Portugal: *A jeira de Maio vale os bois e o carro, a de Junho vale os bois e o jugo* (DMA:275).
[922] No mss.: *y-o*.
[923] FINGOI: 13-14.
[924] No texto: *convidóu*. Tamén no resto do relato: *rematóu, quedóu, respondéu*
[925] No texto:*Dispóis*, e máis adiante *despóis*.
[926] ELS:110. No texto: *d'ouro*.
[927] No texto: *c-un*.
[928] No texto: *qué leva ahí*

Maio pardo, [929]
e San Xoán, craro, [930]
válelle máis
que o diñeiro do carro. [931]

Hai, por último, outra versión que cambia o carro de bois por un carro de mulas: *Xaneiro xabreiro, febreiro amoroso, marzo ventoso, abril chuvioso, maio pardo e san Xoán claro valen máis que as mulas i-o carro.*

A Mariña ten de todo,
a Mariña todo ten:
ten boa froita, bo viño,
e ten bos carros tamén. [932]

Á túa porta, meniña,
todolos carros dan volta;
agora que xa entrintastes[933]
pasouche o sol pola porta. [934]

Árdelle o carro,
árdelle o eixe,
árdelle o carro
ós de Valeixe. [935]

Árdelle o carro,
que eu ben llo vin;
árdelle o carro
ós de Marin. [936]

Árdelle o eixe,
árdelle o carro,
árdelle o eixe
ós de Combarro. [937]

Árdelle o eixe,
árdelle o carro,
árdelle o eixe,
arde Sobrado,
árdelle o eixe,
hai que mollalo
árdelle o eixe,
arde Sobrado. [938]

Árdelle o eixe,
árdelle o carro
árdelle o eixe
ás nenas de Barro,
ás nenas de Barro,
ás da Barquiña,
árdelle o eixe
á miña visiña. [939]

Árdelle o eixo,
árdelle o carro,
árdelle o eixo,
hai que mollalo,
hai que mollalo,
hai que mollalo,
árdelle o eixo,
árdelle o carro,
árdelle o eixo,
árdelle a buxa,
móllao no río
pa que non fuxa,
pa que non fuxa,
pa que non fuxa,
árdelle o eixo,
árdelle a buxa. [940]

Asubía que asubía
vai o carro costa arriba
e as vacas tiran del
como as horas polo día. [941]

---

[929] No texto: *Mayo*.
[930] No texto: *Joan*.
[931] No texto: *qu'o diñeiro d'o carro*.
[932] XLF3:52. Localízaa nas Mariñas. Engade Xaquín Lorenzo que *esta canción señala el carro como una de las muestras de riqueza*.
[933] *Entrintar* significa "face-los trinta anos".
[934] XLF3:55. Localízaa en Muros. No texto: *A tua porta*.
[935] XLF3:51. Localízaa en Valeixe, parroquia da Cañiza.
[936] XLF3:51. Localízaa en Marín.
[937] XLF3:51. Localízaa en Combarro.
[938] SCHU1/2/315c. No texto: *árdell'o.*
[939] SCHU1/2/315a. No texto: *árdell'o, eix'ás nenas, eix'á miña.*
[940] SCHU1/2/315b. No texto: *árdell'o, móll'o no río.* A *buxa*: peza de madeira, cun rebaixe semicircular, onde encaixa e xira o eixo do carro.
[941] XLRG:63.

Cando iamos ao toxo.
O carro das vacas
cando ía moi cargado
ás veces envorcaba. [942]

Carpinteiro faime un carro
se podes faimo de ferro
para carrexa-los homes
desta terra ió inferno. [943]

Casa conmigo meniña
que che teño moita vida
téñoche o carro ferrado
xúngoche os bois á molida. [944]

Cásate conmigo nena
que che teño moita vida
téñoche o carro ferrado
xúngoche os bois á molida. [945]

De madeira de cacique
teño de facer un carro;
as rodas de pregoeiro,
estadullos de escribano. [946]

Dicen que fas como os carros
que, non os untando, cantan;
¡heite untar, así eu medre!
pero ha de ser coa aguillada. [947]

Esta noite ha de chover
que turra do vendaval;
déixame meter, miniña,
o carro no teu pallal. [948]

Esta si que che vai boa
esta si que boa vaie
rozar un carro de leña
dille que vaia seu paie. [949]

Lévame no carro, leva,
carreteiriño das uvas,
lévame no carro, leva,
comerei das máis maduras. [950]

Lévame no carro, leva,
carreteiro de Padrón,
lévame no carro, leva,
lévame no corazón. [951]

Lévame no carro, leva,
San Migueliño das uvas.
Lévame no carro leva,
comerei as máis maduras. [952]

Lévame no carro, leva,
Xosé Benito Ramón,
lévame no carro, leva,
lévame no corazón. [953]

Maruxiña, Maruxiña,
a do refaixo encarnado,
se te atopo nun camiño
heiche de carga-lo carro. [954]

Meu San Antoño bendito,
como me cases hogano,
heiche levar unha vela
coma un fungueiro dun carro. [955]

Na aldea de Palavea
non entra carro ferrado
sinón o de Martiñán
cunha porca polo rabo. [956]

---

[942] XLRG:65.

[943] SCHU1/2/386.

[944] SCHU6/2/1734a. No texto: *téñoch'o, xúngoch'os.*

[945] SCHU6/2/1734b. No texto: *téñoch'o, xúngoch'or.*

[946] XLF3:54.

[947] MLP2:8, MLP3:217, XLF3:54. No texto: *com'os carros, qué, non-os, Y-heite de untar, co a aguillada* (MLP2); *fás, nonos, heite de untar* (XLF3).

[948] XLF3:53. Localízaa na Mahía. Xaquín Lorenzo recolle esta e outras cantigas semellantes, e comenta o seguinte: *El sentido humorístico del pueblo se pone de manifiesto en estas otras, en las que se utiliza el equívoco, bien en cuanto a la forma de las piezas del carro, bien en cuanto a su nombre.*

[949] SCHU5/2/127bis.

[950] Coto2:62, VLQ2:219, Lama2:159, XLF3:55. No texto: *comeréi, mais* (VLQ2).

[951] Coto2:62.

[952] XLRG:62.

[953] XLF3:55. Localízaa nas Mariñas.

[954] LimiaB:95, XLF3:53. No texto: *cargalo* (LimiaB, XLF3).

[955] MLP:188.

[956] LimiaB:247, XLF3:52. No texto: *sinon* (XLF3). Procedente de Aranga, A Coruña.

Niste lugar de Facós
non entra carro ferrado
se non o trae o Manoel
co burriño polo rabo. [957]

No lugar de Fradalvite
non entra carro ferrado
se non o trai Elisiña
co burriño polo rabo. [958]

No lugar de San Martiño
non entra carro ferrado,
pero entra o Cachapelo
cunha xata polo rabo. [959]

O carro anda polo monte
i o arado pola eira,
o caínzo anda gradando
coas vacas na túa leira. [960]

O meu carriño, meu carro,
vale muto diñeiro,
ten o eixe de xardón,
as estretoiras de mazairo,
o rodeiro de bon fresno
de bon negrillo o chedeiro,
as teleirasde bedul
e de bon carballo o fungueiro. [961]

O meu carro pide un eixo,
eu non sei de qué botarllo.
Bótallo de sabugueiro,
cantarache ben o carro. [962]

San Antonio e mais San Roque
eran os dous carpinteiros,
San Roque facía os carros
e San Antonio os fungueiros. [963]

Se non tedes sacho
traémo-lo noso,
o arado de ferro
i o carro cos bois. [964]

Se non tedes sachos
traémolos nós,
arado de ferro
e carro con bois,
e carro con bois,
e carro con bois.
Se non tedes sachos
traémolos nós. [965]

Se non tendes sacho
traémolo nós
arado de ferro
e carro con bois
e carro con bois
e carro con bois
se non tendes sacho
traémolo nós. [966]

Se queres que o carro ande
forte a un tempo e velaíño,
bótalle o eixo de freixo,
e as treitoiras de sanguiño. [967]

Se queres que o carro cante,
ai, miña tía Manuela,
se queres que o carro cante
bótalle o can á cadela. [968]

Se queres que o carro cante,
bótalle o eixe de bido,
as crocoeiras de amieiro,
i os víos de sangubiño. [969]

---

[957] LimiaB:107, XLF3:52. No texto: *nono* (LimiaB, XLF3). Facós, lugar da parroquia e concello de Lobeira.

[958] LimiaB:109, XLF3:52. Fradalvite é "lugar da parroquia de San Martiño de Grou" (LimiaB:289) pero no Nomenclátor actual figura como da parroquia de San Trocado de Santa Comba pero esta é unha desas parroquias divididas polo límite de dous concellos (Lobeira e Bande): aínda así no medio de san Martiño e San Trocado está Santa Cruz de Grou. No texto: *nono* (LimiaB, XLF3). Xaquín Lorenzo explica: *Alusión á pobreza diste lugar: a falla de gado non permete xunguir o carro pra levar e traguer as cousas*.

[959] TCha:65. Refírese a San Martiño, da parroquia de San Martiño de Ferreiros, concello de Pol, Lugo.

[960] XLF3:53. Localízaa en Santiago.

[961] SCHU1/2/314. No texto: *tén. Negrillo* é o nome castelán do chopo negro ou lamagueiro (*Populus nigra*). SCHU dá outra versión practicamente igual, que comeza con *O meu carro, o meu carriño*, e di *canizas* no canto de *teleiras*.

[962] XLF3:49. Localízaa no Ulla.

[963] XLRG:63.

[964] TCha:78. No texto: *traémolo.*

[965] MRV:42.

[966] SCHU1/2/240b.

[967] RC:123. No texto: *Si queres.*

[968] Lama2:89.

[969] An18b. No texto: *Si queres qu'o, vido, d'amieiro, y-os vios.*

Se queres que carro cante
bótalle o eixe de bido,
as traitoiras de carballo
i os croucós de sanguliño. [970]

Se queres que o carro cante,
bótalle o eixe de freixo;
se queres que a filla case,
pon no corredor un queixo. [971]

Se queres que o carro cante,
bótalle o eixe de freixo;
se queres que o amor veña
dálle talladas de queixo. [972]

Se queres que o carro cante,
bótalle o eixe de freixo;
se queres que o home veña
dálle talladas de queixo. [973]

Se queres que o carro cante,
bótalle o eixe de freixo;
se queres que o mozo veña,
dálle talladas de queixo. [974]

Se queres que o carro cante,
bótalle o eixo de freixo,
se queres ter un bo mozo
dálle talladas de queixo. [975]

Se queres que o carro cante,
cante coma un asubío,
bótalle o eixo de freixo,
e as treituras de sanguiño. [976]

Se queres que o carro cante
como a gaita do gaiteiro,
ponlle o eixe de freixo
i as entortas de amieiro. [977]

Se queres que o carro cante
como a gaita do gaiteiro.
ponlle o eixe de plata
i estreitoiras de amieiro. [978]

Se queres que o carro cante
como a gaita do gueiteiro,
bótalle o eixe de bido
i as treitoiras de amieiro. [979]

Se queres que o carro cante
como aquel do teu veciño,
bótalle o eixo de loureiro
e as entortas de sanguiño. [980]

Se queres que carro cante
como o do noso veciño,
bótalle o eixo de loureiro
e treitoiras de sanguiño. [981]

Se queres que o carro cante,
compañeiro, meu veciño,
se queres que o carro cante,
móllalle o eixe no río. [982]

---

[970] XLF3:48. Localízaa en Esgos.

[971] VS.

[972] DBP:2218, TCha:64, JASA:106 (Cant 630), JPBI:175.72, Zolle:220, Cur:255, XLF3:50. No texto: *botall'o* (DBP); *dalle* (TCha); *bótall'o, dalle* (JASA); *Si queres qu'o, bótall'o, e si queres qu'o, dalle* (JPBI); *botall'o, qu'o amor, beña, dalle* (Zolle); *botalle, dalle* (Cur.); *dalle* (XLF3). Rielo Carballo (TCha) utiliza a forma *quexo*, que explica en nota como localismo por *queixo*.
Di Rielo que se emprega madeira de freixo, ou de loureiro, para face-lo eixo do carro típico do país, porque só esta madeira produce o renxer característico dun carro ben feito, co que se pretende, tanto estimula-los bois na súa andadura, como avisar a calquera outro carro que veña pola mesma corredoira. A explicación non é moi convincente. A realidade é que a madeira de freixo é moi dura e por iso é axeitada para durar a pesar do roce. E o canto do carro é consecuencia ou ben de que vai moi cargado (e, polo tanto, facendo moita presión no eixe) ou ben de que o eixe vai mollado. Nunha aldea tradicional, na que todo o mundo sabía onde estaban a tal hora tódolos veciños e cales eran os seus andares, era innecesario avisar de que un ía ou viña co carro.
Xaquín Lorenzo comenta: *Es de observar que esta justificación del sonido del carro para que se oiga en los caminos estrechos es totalmente falsa; si los carros se oyesen el uno al otro para ello, ninguno pasaría, ya que cada uno dejaría sitio al otro o los dos marcharían a un tiempo, esperando encontrar el camino libre. Son varios los literatos y aun los investigadores que dieron fe a este absurdo* (XLF3:46).

[973] MRV:42.

[974] VS: *si*.

[975] RC:103, VLQ2:221. No texto: *dalle* (VLQ2).

[976] MRV:42.

[977] XLF3:49. Localízaa en Fonfría.

[978] XLF3:49. Localízaa na Gudiña.

[979] XLF3:49. Localízaa en Nocedo.

[980] RCI:87.

[981] XLF3:48. Localízaa nas Mariñas.

[982] MRV:42.

Se queres que o carro cante,
lévao a beber ó río,
despois que estea mollado,
canta como un asubío. [983]

Se queres que o carro cante,
mételle o eixe no río
que, despois de ben mollado,
canta coma un asubío. [984]

Se queres que o carro cante,
meu irmao, Manueliño,
bótalle o eixe de freixo,
e as treituras de sanguiño. [985]

Se queres que o carro cante,
miña prima Manuela,
se queres que o carro cante
bótalle os cans á cadela. [986]

Se queres que o carro cante,
móllalle o eixe no río,
despois, co eixe mollado,
canta coma un asubío. [987]

Se queres que o carro cante,
móllalle o eixe no río,
despois do eixe mollado
canta coma un asubío. [988]

Se queres que o carro cante,
móllalle o eixe no río
e despois de ben mollado,
canta como un asubío. [989]

Se queres que o carro cante,
móllalle o eixe no rio,
e verás como mollado
canta coma un asobío. [990]

Se queres que o carro cante,
móllalle o eixe no río
e verás que ben mollado,
canta como un asubío. [991]

Se queres que o carro cante
móllalle o eixe no río;
verás como ben mollado
canta como un asubío. [992]

Se queres que o carro cante,
móllalle o eixo no río
que dimpois do eixo mollado,
canta como un asubío. [993]

Se queres que o carro cante
pola porta do veciño,
bótalle o eixe de freixo,
entortas de sangumiño. [994]

Se queres que o carro cante
que se uzca por todo o mundo,
ponlle o eixe de budueira
i as treitoiras de sanguño. [995]

Se queres que o carro che cante,
bótalle o eixe de freixo;
se queres que o amor te queira,
dálle rebadas de queixo. [996]

---

[983] AGA:59, XLF3:49. No texto: *ao ríu, despóis, esteia, asubíu* (AGA); *ao ríu, esteia, asubíu* (XLF3).

[984] MRV:42.

[985] MRV:42.

[986] Coto2:97.

[987] Carte. Trascribímola como cantiga aínda que está recollido nunha relación de refráns e ditos.

[988] SCHU1/2/316a, LimiaB:146, Lama2:163, Tea:44, Coto2:97. No texto: *qu'o, mollall'o, de eixe* (sic), *com'on* (SCHU); *rio, como un* (LimiaB); *eixo* (Lama2); *Si, eixo, como un* (Tea); *eixo, como un* (Coto2). Engade Xaquín Lorenzo que *non somentes se molla o eixe pra que cante o carro, senon, principalmente, pra que non arda co roce antre o eixe e as chumaceiras; a esto fai referencia unha cantiga espallada pola Galiza adiante, apricada a distintas aldeias e que dí: "Árdelle o carro,/ árdelle o eixe,/ árdelle o carro/ aos de Valeixe", "Árdelle o eixe,/ árdelle o carro,/ árdelle o eixe/ aos de Combarro". Trátase de cantigas de fachenda, por cando o eixe arde cando o carro vai demasiado carregado. O mesmo siñificado teno o berro: "Eih, carballeira, árdelle o eixe!" que é berro de desafío.*

[989] Riba1:150, MRV:42, AGA:59, XLF3:50, SCHU1/2/316b, Gud5:80. No texto: *qu'o carro, despóis, com'un* (Riba1); *coma un asubío* (MRV); *despóis* (AGA); *asubíu* (XLF3); *Si queres, mollall'o, com'on* (SCHU); *Si queres, co carro, asobío* (Gud5). Xaquín Lorenzo localízaa en Ribadeo.

[990] Cur:254. No texto: *mollalle, asobio.*

[991] AGA:59, XLF3:50. Xaquín Lorenzo localízaa na Gudiña. No texto: *ríu, asubíu* (AGA, XLF3).

[992] LimiaB. No texto: *rio*.

[993] RC:123. No texto: *Si queres, dimpóis*.

[994] XLF3:49. Localízaa en Fonfría.

[995] XLF3:49. Localízaa en Peñafuente (Asturias) de onde é o dialectal *uzca* (oia).

[996] VS: *qu'o carro, bótall'o eixe, qu'o amor*.

Sea pola volta,
sea polo atallo,
nunca perdas
o camiño do carro. [997]

Si queredes sachos
levámolos nós
arados de ferro
e carros con bois
e carros con bois
e carros con bois
si queredes sachos
levámolos nós. [998]

Si queres que cante o carro,
si queres que o carro cante,
si queres que cante o carro,
a paga págalla diante. [999]

Si queres que o carro cante,
bótalle o eixe no río
e despois de ben mollado
toca coma un asubío. [1000]

Si queres que o carro cante,
bótalle o eixo no río,
bótalle o eixo mollado
e darache un asubío. [1001]

Si queres que o carro cante
como a gaita do gaiteiro,
faille o eixe de abedul
i as treitoiras de amieiro. [1002]

Si queres que o carro cante
como o do teu veciño,
bótalle o eixe de freixo
i as treitoiras de sanguiño. [1003]

Si queres que o carro cante
como o do teu vicín,
ponlle o eixe de nogal,
treitoiras de sangumín. [1004]

Si queres que o carro cante,
compañeiro, meu veciño,
bótalle o eixo de freixo
i as treitoiras de sangriño. [1005]

Si queres que o carro cante,
móllalle o eixe no río;
despois de ben mollado,
canta coma un asubío. [1006]

Si queres que o carro cante,
úntalo con sal de higuera:
verás cómo o carro canta
'y las ruedas vuelan'. [1007]

Si qués que o carro non cante
miña prima Manoela,
si qués que o carro non cante,
bótalle sebo coa vela. [1008]

Oito baten na calzada,
catro miran cara o ceo;
un goberna a trallada
e outro canta o sirineo. [1009]

Oito baten na calzada,
catro miran para o ceo;
un goberna a traellada
e outro canta o sirineo. [1010]

Oito baten na calzada,
catro ollan para o ceo;
un goberna a cangallada
outro toca o chirineo. [1011]

---

997 XLF3:54. Localízaa en Muros.
998 SCHU1/2/240a. No texto: *levámo-los*.
999 XLF3:50. Localízaa en Ourense.
1000 SCHU1/2/316c. No texto: *qu'o, com'un.*
1001 XLF3:50. Localízaa en Pontevedra.
1002 XLF3:49. Localízaa en Ourense.
1003 XLF3:49. Localízaa en Melide.
1004 XLF3:49. Localízaa en Vilachá de Cancelada.
1005 XLF3:49. Localízaa en Ares.
1006 XLF3:49. Localízaa en Vilachá de Cancelada.
1007 XLF3:50. Localízaa na Hermida. O *sal de higuera*, que algúns converteron en *sal ligera*, é sulfato de magnesia natural e utilízase como purgante. É a causa do sabor amargo de certas augas minerais, como as procedentes do manantial de *Fuente de la Higuera* (Valencia). Descoñecemos que efecto pode ter no canto do carro.
1008 XLF3:51. Localízaa na Coruña.
1009 Os bois, o labrego e o carro. APG:90.
1010 Os pés das vacas, os cornos, o labrego e mailo carro. PM:693.
1011 Os bois, o labrego e o carro. APG:90.

Oito pisan o camiño
catro miran pró ceo,
un canta a villorada
e outro dirixe o trineo,
¿qué é? [1012]

Oito van polo camiño;
catro miran para o monte;
un goberna a faena
e outro canta o sirén. [1013]

A noite de San Xoán [1014]

Era nos tempos de antes [1015], que lle chamaban as tranghalladas, que na noite de San Juan levábannos cousas fóra das casas; e ighual levaban anque fora o pote do caldo ou calquera cousa. Pero máis ben o que levaban eran os carros, pero os carros dises das vacas.

Entonces había unhas mulleres que non querían que lle levasen o carro e tíñano alí. E entonces agharraron, ¿i sabes que fixeron?, como tiñan medo de se deitar e deixa-lo carro sólo, deitáronse no carro e durmiron alí no carro. E vai, viñeron, e como as colleu o sono alá, sobre do día agharraron o carro despaciño e vai e lévanas no carro. Pero aínda durmían ben que non despertaron. E leváronas alá ó campo da ighlesia e deixáronas alí quietas. E cando despertaron xa era día, i estaban alí e non tiñan roupa, que lle tiveron que levar os viciños a roupa alí pra que se vestisen.

A mesma historia cóntase en Caritel como acontecida no primeiro terzo do século XX. Un veciño cargou o carro de palla e deitouse enriba da palla, para asegurarse de que non lle levaban o carro esa noite. Pero pola mañá amañeceu enriba da palla pero a un quilómetro da casa, na *Curva da zapateira*: os veciños, despois da media noite, solermiñamente ergueran o chedeiro e levárano entre todos en peso con tal tino que non acordou en toda a viaxe.

9.4.10.1. A cabezalla

Xa explicamos no apartado 1.6.3. da *Introdución*, ó falar dos límites léxicos deste traballo que tamén iamos incluí-las pezas do carro que entraban en contacto físico co boi ou a vaca. É dicir, xugo e cabezalla.

11880 **abetoalla** *s.f.* Ver BOTOALLA 1 /11884. (MGG(L3)).
11881 **abotoalla** *s.f.* Ver BOTOALLA 1 /11884. (MGG(L9a)).
11882 **batoalla** *s.f.* Ver BOTOALLA 1 /11884. (Mel1).
11883 **betoalla** *s.f.* Ver BOTOALLA 1 /11884. (MGG(L6)).
11884 **botoalla 1** *s.f.* Cabezalla do carro. (DRAG, ERG, Foz2, Foz3, Lagoa, MGG(L1, L2, L5, L6b, L9, C1), Vala., XLF5(4), XRMF4).
11885 **botoallo** *s.m.* Ver BOTOALLA 1 /11884. (ERG).
11886 **cabesalla** *s.f.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (MGG(C17, C21, C22, C24, C27, C29, C30, C33, C34, C35, C37, C38, C39, C42, C43, C45, C46, C47, C48, C49, P6, P12, P13, P15, P18, P21, P24, P28, P29), XLF5(46, 60, 66, 71, 89, 100, 101, 102)).
11887 **cabesallo** *s.m.* Ver CABEZALLA 1 /11889. XLF5 escribe para 196 e 197 *cabeçallo*. A nosa fonte reproduce así a sibilante. (XLF5(59, 196, 197, 198)).
11888 **cabezada 3** *s.f.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (XLF5(150)).
11889 **cabezalla 1** *s.f.* Lanza do carro. Con diferenzas na realización da palatal MGG rexistra tamén esta voz en C12, C25, C36, L20, L24, L26, L28, L30, L31, O1, O6, P1, P2, P5, P7, P13, P14, P17, P23. (Común: MGG(C2, C3, C4, C5, C6, C7, C8, C9, C10, C11, C12, C13, C14, C15, CC16, C17, C18, C19, C20, C23, C25, C26, C28, C30, C31, C32, C35, C36, C40, C44, C47, C48, L3, L7, L10, L17, L20, L22, L28, L30, L35, L36, O1, O2, O5, O18, O21, O24, P3, P4, P6, P8, P9, P10, P11, P12, P13, P16, P18, P20, P22, P25, P26, P30, P31, P32, P33), XLF5(1, 2, 3, 5, 6, 10, 11, 12, 13, 15, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 27, 38, 39, 45, 47, 48, 49, 52, 54, 56, 58, 61, 62, 63, 64, 65, 71, 75, 78, 79, 80, 81, 82, 83, 84, 88, 90, 91, 92, 94, 95, 96, 97, 103, 104, 105, 106, 107, 108, 109, 113, 114, 116, 117, 118, 119, 120, 124, 125, 126, 128, 129, 131, 134, 135, 137, 138, 147, 149, 152, 153, 157, 158, 159, 160, 161, 167, 168, 169, 176, 185, 193, 195).
11890 **cabezallo** *s.m.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (Común: Alla4, Artes, Cal., ERG, Gud5, Incio, Merca, Mez3, MGG (L17, L29, L32, L33, L34, L37, L38, L39, O4, O7, O8, O10, O11, O13, O14, O15, O16, O19, P19, P27, LE3), Mra., Pantón, Parade., Ped., Ram., Velle1, VS2, XLF, XLF5 (77, 82, 85, 86, 87, 98, 110, 111, 121, 122, 129, 132,

[1012] As vacas, o carro e o home. Gud5:30.
[1013] Os pés das vacas, os cornos, o labrego e mailo carro. PM:693.385.
[1014] CNC:328. Recollido en Louredo, Maside, Ourense, de Francisca González Conde, de 72 anos de idade en 1999.
[1015] No texto: *d'antes*.

133, 139, 140, 141, 142, 143, 151, 154, 155, 156, 162, 163, 164, 171, 172, 177, 178, 186, 189, 197), Xun.).

11891 **cabezoalla** *s.f.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (Bece1, Hermi., MGG(L15, L16, L18, L21, L21a, L25, A3, A5, A6, Z2, Z3), Per., Piquín, TCha, XLF5(34, 35, 36, 37, 42, 43, 52, 53, 74, 77, 84)).

11892 **cabezoallo** *s.m.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (MGG(L29a)).

11893 **cabezolla** *s.f.* Ver CABEZALLA 1 /11889. Con pequenas diferenzas na realización da palatal entre O12 e O17. (MGG(O12, O17), XLF5(174)).

11894 **cabezollo** *s.m.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (MGG(O9)).

11895 **cabezón 3** *s.m.* Ver CABEZALLA 1 /11889. Os dous informantes dos Ancares coinciden en denominar así ó extremo anterior da cabezalla. Tamén recibe os nomes de *pezón* e *pezoeira*. (Ancares, Ancares2, Luarca, MGG(O3, L23, LE2, LE4, LE5, A6), XLF5(57, 76, 144), XRMF4).

11896 **cabezualla** *s.f.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (Burón, Suarna, XLF5(33, 34, 36, 41, 43, 44, 55, 68, 84)).

11897 **cabezuallo** *s.m.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (XLF5(85)).

11898 **caceboalla** *s.f.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (MGG(Z1), Porto).

11899 **canzuaia** *s.f.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (TapiaO).

11900 **cazoalla** *s.f.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (MGG(A1, A4, Z1)).

11901 **cazoaya** *s.f.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (MGG(A2, A4), Mohías).

11902 **cazonaya** *s.f.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (Vigo-O, Vpedre).

11903 **cinallo** *s.m.* Ver PINO 1 /11928. (Lim3).

11904 **couce 1** *s.m.* Cabezalla do carro. (ERG).

11905 **chavellón 2** *s.m.* Cabezalla do carro. (Noalla3).

11906 **eixeda** *s.f.* Cabezalla do carro, excepto o extremo anterior. (Ancares2).

11907 **fusa** *s.f.* Ver FUSO /11908. (LCA1).

11908 **fuso** *s.m.* Cabezalla do carro. (MGG(L11, L17, L14), XLF5(28), XRMF4).

11909 **lanza 1** *s.f.* Cabezalla do carro. *A parte dianteira de todo é a 'lanza', 'pezón', 'pezoeira' ou 'cabezón' (Balouta). Ás veces alóngase máis cun engadido en galla, que é o propio 'pezón', suxeito con 'tormos' e con dúas ou máis abrazadeiras ('rellas') de ferro* (Ancares:360). (Ancares, Ancares2, XRMF4).

11910 **lanza 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada unha das pezas paralelas que prolongan os chedeiros, ata o xugo, nos carros dunha soa vaca, entre as que vai esta. A nosa fonte recólleo en plural. (Castre.).

11911 **largueiro** *s.m.* Ver CABEZALLA 1 /11889. XLF5 explica o seguinte: "El nombre de *largueiro* está recogido solamente en 73, no conociéndolo en ningún otro lugar. Seguramente se trata de la aplicación de un nombre general a este caso concreto, fenómeno frecuente cuando el informador no conoce o no recuerda el nombre particular de un objeto cualquiera". A localidade identificada como 73 é "Codexás, Valderrubias, Monterroso, Lugo". Non damos atopado ningún lugar co nome de *Codexás* nin ningunha parroquia co nome de *Valderrubias* no concello de Monterroso, nin tampouco, segundo o *Nomenclátor*, en ningún outro concello galego. (XLF5(73)).

11912 **pértago** *s.m.* Ver PÉRTEGA 1 /11913. MGG recólleo de Crespo Pozo. (MGG).

11913 **pértega 1** *s.f.* Cabezalla do carro. MGG sitúa esta voz tamén entre os sinónimos de *estrobo*; sospeitamos que se trata dun erro por contigüidade (a cabezalla toca o estrobo) porque a etimoloxía (*pertica*: vara) fálanos de algo alongado e ríxido e porque tódalas variantes desta voz *pértigo*, *pértego*, *pertegal*, *pértiga* e *pértago* teñen en todas partes o valor de *cabezalla*. Por iso non a incluímos entre as voces que designan o estrobo. Pero hai que recoñecer que o estrobo ou timoeiro é unha peza feita de coiro, de corda ou dunha vara retorta de carballo e é posible que algún informante (neste caso MGG:C18) quixese denomina-lo estrobo metonimicamente pola materia de que está feito independentemente de que a súa forma non cadre xa coa idea que comunmente temos dunha vara como de algo recto. (Ancares, MGG(C18)).

11914 **pertegal** *s.m.* Ver PÉRTEGA 1 /11913. (MGG(A7)).

11915 **pértego** *s.m.* Ver PÉRTEGA 1 /11913. (ERG, MGG).

11916 **pértiga** *s.f.* Ver PÉRTEGA 1 /11913. *A xugada de bois ou a parella de vacas [...] vai 'xuncida' ou 'enlurieda' ó xugo, [...] e este á 'pértiga' do carro por unha 'cravilla', arredor da que se ata o 'loro' ou 'subiao'* (Ancares:340). (Ancares, MGG(LE1)).

11917 **pértigo** *s.m.* Ver PÉRTEGA 1 /11913. (XLF5(61)).

11918 **pezoeira 2** *s.f.* Ver PEZÓN 3 /11919. (Ancares, Ancares2).

11919 **pezón 3** *s.m.* Extremo dianteiro da cabezalla do carro. *A parte dianteira de todo é a 'lanza', 'pezón', 'pezoeira' ou 'cabezón' (Balouta). Ás veces alóngase máis cun engadido en galla, que é o propio 'pezón', suxeito con 'tormos' e con dúas ou máis abrazadeiras ('rellas') de ferro* (Ancares:360). (Ancares, MGG(A7)).

11920 **pezoñera** *s.f.* Extremo da cabezalla do carro onde se une ó xugo. (VGR).

11922 **pígara** *s.f.* Ver PÉRTEGA 1 /11913. (MGG(L17)).

11923 **pinalla** *s.f.* Ver PINO 1 /11928. (Gud., Hermi., MGG, XLF5(191), XRMF4).

11924 **pinalleira** *s.f.* Ver PINO 1 /11928. (Code., MGG(O25, O30), Pentes1, Ver1, Vil.).

11925 **pinalleiro** *s.m.* Ver PINO 1 /11928. (MGG(O30)).

11926 **pinallo** *s.m.* Ver PINO 1 /11928. (Alla4, Gud5, Hermi.,

MGG(O20, O20a, O22, O23), Sandiás, Osoño2, Ver1, XLF5(180, 181, 182, 183, 188, 190, 202, 203), Xun., Xun2).

11927 **pinallón** *s.m.* Ver PINO 1 /11928. (XLF5(184)).

11928 **pino 1** *s.m.* Cabezalla do carro. (Ced., ERG, ERQ, MGG(L4, L4a, L6, L6a, L8, L9, L9a, L12, L13, L15, L18a, O29), MLP, XLF5(7, 8, 9, 17, 29, 30)).

11929 **piño** *s.m.* Ver PINO 1 /11928. (MGG(O27, O28, O31), XLF5(199, 200, 201)).

11930 **timón 1** *s.m.* Cabezalla do carro. (Castre.).

11931 **tirador** *s.m.* Ver CABEZALLA 1 /11889. (MGG(L18, L18a), XLF5(31)).

11932 **vara 3** *s.f.* Lanza do carro. (Ced., Mez3, MGG(L8, L9, A6)).

11933 **varal 1** *s.m.* Ver VARA 3 /11932. (MGG(LE5)).

11934 **varal 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das cabezallas dos carros dunha soa vaca. (MGG(Goián)).

11935 **viga** *s.f.* Cabezalla do carro. (LamasM, MGG, Suarna, XRMF4).

Mal lle vai á cabezalla cando a chavella se perde. (ERG:cabezalla)

Costureiriña bonita,
pagándoche o teu traballo:
botarásslleme un romendo
á cabezalla do carro. [1016]

Eu fodinche unha nena
na cabezalla do carro
resbalou o tentemozo
e torceuse o meu carallo. [1017]

Os bois i o carro perdeches
¡foiche de tanto beber!
¡Mal lle vai á cabezalla
se a chavella se perder! [1018]

Para cuncas, pau de toxo,
para pértegos, carballo,
para contentar as nenas
a cabezalla do carro. [1019]

Para cuncas, pau de toxo,
para pértegos, carballo,
para o lombo do alpurneiro
a cabezalla do carro. [1020]

Para cuñas, pau de toxo,
para eixo, do carballo,
para contenta-las nenas
a cabezalla do carro. [1021]

Para cuñas, pau de toxo;
para fungueiros, carballo,
e para as nenas bonitas
a cabezalla do carro. [1022]

Para cuñas, pau de toxo;
para fungueiros, carballo;
para as nenas de este pueblo
o cabezón do meu carro. [1023]

Para cuñas, pau de toxo,
para fungueiros, carballo,
para contentar ás mozas
a cabezalla do carro. [1024]

Para cuñas, pau de toxo;
para fungueiros, carballo;
para contentar as nenas
a cabezalla do carro. [1025]

Leira branca,
semente moura,
cinco cabezallas
e a chavella. [1026]

[1016] Coto2:43.

[1017] SCHU6/2/1204. No texto: *torzeus'o.*

[1018] VIÑO2:37, JPBIII:220.1, XLF3. No texto: *O boi y o carro, perdeche, â cabezalla, s'a chavella* (JPB); *perdeche* (VIÑO). A segunda parte desta cantiga témola como refrán: *Mal lle vai á cabezalla cando a chavella se perde* (ERG:cabezalla). Ballesteros localízaa en Elviña (A Coruña).

[1019] Corme1:486.

[1020] RC:93. *Alpurneiro* é murmurador.

[1021] SCHU1/2/317c.

[1022] XLF3:53.

[1023] XLF3:53. Localízaa na Gudiña.

[1024] Tea:49. No texto: *âs mozas*.

[1025] XLF3:53. Localízaa en Muros.

[1026] A escritura. APG:212.

9.4.10.1.1. O apondouro

Non resulta frecuente, pero nalgúns casos existe unha entalla na cara inferior da cabezalla para introducir e suxeita-lo timoeiro.

11936 **apodoiro 3** *s.m.* Ver APONDOURO 2 /11939. (MGG(L30, L32), XLF5(84)).

11937 **apodouro** *s.m.* Ver APONDOURO 2 /11939. (MGG).

11938 **apón** *s.m.* Ver APONDOURO 2 /11939. (Rebo., XLF5(167)).

11939 **apondouro 2** *s.m.* Entalla que nalgunhas comarcas ten a cabezalla na súa parte inferior para suxeita-lo xugo co estrobo. (XLF5(167, 168, 169)).

11940 **apoñedeiro** *s.m.* Ver APONDOURO 2 /11939. (MGG(LE3)).

11941 **apoñedouro** *s.m.* Ver APONDOURO 2 /11939. "En el cabezón de la lanza hay una pronunciada muesca, labrada en el propio tronco de la lanza (que actualmente se hace con una pieza añadida), y que va en la cara inferior sirviendo para apoyar las vueltas del *loro* o *sobeo* sin que resbalen: es el *apoñedouro* [en Sisterna, *atabuéis*; gallego: *apondouro*; Oseja de Sajambre, *sobeadero*; Libardón, *sobeadera*, como en Colunga y Cabranes; Aller: *sobero*]" (Ancares2:229). "Donde se ata el barzón es una entalladura o corte hecho en el yugo, que por su parte inferior es *a mesa* (más raro *sobiadeira* o *subiadeira*)" (Ancares2:223), e engade que en Pías, Mondariz, é *mosa*; en Ourense, *murnalla* ("en los yugos yugulares o de canga es el *apodouro*") e en Coimbra *camallau du meo da canga* (Ancares2:223). (Ancares, MGG).

11942 **bornalla 2** *s.f.* Ver APONDOURO 2 /11939. (MGG(P23)).

11943 **empoladouro** *s.m.* Ver APONDOURO 2 /11939. (XLF5(159)).

11944 **entalla 4** *s.f.* Ver APONDOURO 2 /11939. (Com1, Feás-A, Gui., Mel1, Nove., Oirós, San., Sob., Toba, XLF5(128)).

11945 **gargal 1** *s.m.* Rebaixa na cabezalla onde se engancha ou suxeita o xugo. *No cabezallo hai que facer por baixo, un rebaixe pra poider amarralo, cando se xunguen as vacas. A iste rebaixe en forma de media lua, danlle o nome de 'gargal'* (JEFA:91). (JEFA, Maceda, MGG(O11), XLF5(156)).

11946 **gargalo** *s.m.* Ver GARGAL 1 /11945. (MGG(O13)).

11947 **mosa 4** *s.f.* Ver APONDOURO 2 /11939. (XLF5(199)).

11948 **mosca 2** *s.f.* Ver APONDOURO 2 /11939. (XLF5(128)).

11949 **pedouro** *s.m.* Ver APONDOURO 2 /11939. (MGG).

11950 **talla 3** *s.f.* Ver ENTALLA 4 /11944. (MGG, Mra., Ram., Vala.).

11951 ***luchadero** *s.m.* Ver APONDOURO 2 /11939. (MGG(C43)).

11952 **talla do cabezón** *s.comp.f.* Ver ENTALLA 4 /11944. (MGG(LE2)).

9.4.10.2. A chavella

O extremo anterior da cabezalla do carro ou do timón do arado está atravesado por unha peza de madeira, ás veces dúas, que terman do timoeiro e impiden que este se desprace ó longo da cabezalla. As máis das veces, esta chavella é vertical, pero tamén existen carros nos que está disposta horizontalmente.

11953 **caravillón 1** *s.m.* Cada un dos paus que atravesan a cabezalla, entre os que se ata o temoeiro. A nosa fonte escribe *carabillón*. (Ibias1).

11954 **cavilla** *s.f.* Ver CHAVELLA 1 /11960. A nosa fonte -Ancares2- escribe *cabilla*. "Hay muchas variantes formales y designacionales [da chavella]. En Ancares es una sola clavija que atraviesa verticalmente el extremo de la lanza: *cabilla*, *crabilla* y *cabillel*; en Galicia, *chavella*, *chavellón*..." (Ancares2:228). (Ancares2, MGG(O3, LE1, LE2), XLF5(144, 145)).

11955 **cavillar** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (MGG(LE4, LE5)).

11956 **cavillel** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. A nosa fonte escribe *cabillel*. "En Ancares [a chavella] es una sola clavija que atraviesa verticalmente el extremo de la lanza: *cabilla*, *crabilla* y *cabillel*" (Ancares2:228). *Ía despois ten alante, ten o cabillel qu'e un pa'o qu'atravesa pra sujeta-lo xugo ia pezoeira, qu'entr'os dous fórmansi a forma pra qu'el xugo ia'l loro non vayan nin pra'lante (dientre), nin pra'trás* (Ancares2:239). Pero o mesmo informante dános noutro momento outra acepción do *cabillel*, como fura para a chavella: "Enlazando con la cama del arado se encuentra el timón, de análogo grueso, y que presenta unos orificios verticales (*cabillel*) para introducir la clavija o *crabilla* con que se sujeta al yugo" (Ancares2:243). (Ancares2, MGG).

11957 **cravilla 2** *s.f.* Ver CHAVELLA 1 /11960. Ancares2 escribe *crabilla*. (Ancares, Ancares2).

11958 **cruz 3** *s.f.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (XLF5(73)).

11959 **chavela** *s.f.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (XLF5(149)).

11960 **chavella 1** *s.f.* Pau espetado verticalmente na cabezalla ó redor do que se suxeita o estrobo. Por veces é horizontal. Pintos escribe *chabella*. (Común).

11961 **chavellín** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (MGG(C36, L28a)).

11962 **chavello 1** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (Ced., Gun., MGG(L8, L13)).
11963 **chavellón 1** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. Ancares2 localízao en Vigo (Asturias). (Ancares2, Cal., Goián, Mez., MGG(C48, O7, O15), Ram., Ver1, XLF5(142, 195)).
11964 **chavelluco** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (MGG(C11, C11a, C15, C19, C19a, C20a), XLF5(14, 24, 25)).
11965 **chaveta** *s.f.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (MGG(O26, P25)).
11966 **chavilla** *s.f.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (Burón, MGG(L19, L23, L27, L29, L30, A1, A2, A3), Ped1, Suarna, XLF5(33, 34, 35, 36, 37, 41, 42, 43, 44, 55, 56, 57, 76, 77, 84, 85, 86, 87)).
11967 **chavillón 1** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. A nosa fonte escribe *chabillón*. (Gro1, Ver1).
11968 **estadullo** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (MGG(L11)).
11969 **loba** *s.f.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (XLF5(85)).
11971 **navilla** *s.f.* Caravilla de madeira que leva o timón do arado para engancha-la xugada. (Ibias1).
11972 **pecho 2** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (XLF5(163)).
11973 **pígaro** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (MGG(L13)).
11974 **pino 2** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. Non cabe dúbida de que non se trata da cabezalla mesma porque o define como "palo colocado en el extremo anterior de la vara del carro y que sirve para sujetarla al yugo por medio del sobeo". (VGR).
11975 **pinu** *s.m.* Chavella do timón do arado. (Ibias2).
11976 **poñedouro** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (XLF5(158)).
11977 **postura** *s.f.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (MGG(LE2)).
11978 **pundoiro** *s.m.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (MGG(P27)).
11979 **torga 2** *s.f.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (XLF5(76, 77, 85, 86, 87)).
11980 **torno 1** *s.m.* Chavella para uni-lo cambón e o xugo. (AG-AO, XLF5(185)).
11982 ***clavilla** *s.f.* Ver CHAVELLA 1 /11960. (MGG(L37)).

Cara de sacho queimado
os dentes da túa boca
a chavella do meu carro. [1027]

O cura de Andabao
puxo a criada na burra
e no medio do camiño
puxo a chavella na fura. [1028]

Ó meu vello, ó meu vello,
do chapeo remendado,
criei tan grandes piollos
coma a chavella do carro. [1029]

Tes unha boca moi ghrande
e o nariz moi aghillado
a medida dos teus dentes
a chavella do carro.[1030]

9.4.10.2.1. As furas da chavella

Para axusta-la chavella na cabezalla ábrense nesta un ou dous buratos pasantes verticais. Metida nunha desas furas a chavella permite suxeita-lo xugo. A existencia de dúas furas permite suxeita-lo xugo máis lonxe ou máis preto da carga que vai no chedeiro, segundo se utilice a fura de diante ou a de atrás. Deste xeito non só se poden xunguir animais de diferentes tamaños (e lonxitudes) senón que, fundamentalmente, permite alonxa-lo brazo da panca na que o punto de apoio estaría no eixe das rodas; o punto de aplicación da forza, representada polos bois, estaría no lugar onde se ata o xugo; e a resistencia, representada pola carga, estaría no chedeiro (na parte superior ó eixe). Cando o carro vai máis cargado utilízase sempre a fura de diante, porque o peso sobre o chedeiro tende a levanta-la cabezalla e, canto máis lonxe estea atado o xugo, menos forza necesitarán os bois para soste-lo carro e puxar por el. Nesta situación, a xugada necesitará menos esforzo para realiza-lo mesmo traballo e irá máis solta, máis alegre [1031].

Non obstante, non só é o peso da carga o que inflúe no traballo a realizar pola xugada senón tamén a colocación da carga no carro, a súa correcta distribución sobre o chedeiro:

Estes días houbo festa en San Estevo e aprendín algo sobre como se cargan os carros. Así, non é o mesmo, para quen preme, que lle dean as gabelas viradas ou non; que o carro remate cargado estreito ou ancho,

[1027] SCHU5/2/232.
[1028] MRV:28.
[1029] Cuale.:109. No texto: *Ô meu vello, com'a chavella.*
[1030] SCHU5/2/270bis1. No texto: *tés.*
[1031] E de aí a traslación metafórica á locución *ir na fura de diante* aplicada á persoa que vai á présa, eufórico, como presumindo da súa forza, poder ou riqueza.

porque dun xeito pode virar na primeira curva e do outro non caber nun camiño estreito; e tampouco resulta indiferente cargalo derradeiro ou dianteiro, xa que no primeiro caso o peso cae todo detrás, apínase a cabezalla e as vacas non dan andado, mentres que si vai dianteiro, correríase a carga para enriba dos animais podendo caer rebentados ou de tanto suar darlles unha friaxe [1032].

Efectivamente, se o carro vai traseiro o gando leva menos peso na caluga pero, en cambio, as piallas, piogas ou brochas fan presión no pescozo e poden dificultarlle a respiración; e, costa arriba, faríalle imposible avanzar (Barro, CLam3).

11983 **burato 1** *s.m.* Ver FURA 1 /11987. (XLF5(52)).
11984 **chavelleira** *s.f.* Fura na cabezalla para introduci-la chavella. (Caa., Cab., Gui., MGG(L10), Pantón, Per., XLF5(31)).
11985 **chavelleiro 1** *s.m.* Ver CHAVELLEIRA /11984. En Saviñao hai *chavelleiro de diante* e *chavelleiro de atrás*. (VS2).
11986 **fúa** *s.f.* Ver FURA 1 /11987. (VS2(Bermés)).
11987 **fura 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Cada un dos buratos feitos na cabezalla e nos que se insire a chavella para axudar a suxeita-lo xugo. (Maía2, MGG(C21a, C29a, C35, C48, LE2), XLF5).
11988 **furado 1** *s.m.* Ver FURA 1 /11987. (XLF5(43)).
11989 **buraco do chavillón** *s.comp.m.* Ver BURATO 1 /11983. (Gro1).
11990 **fura da chavella** *s.comp.f.* Ver FURA 1 /11987. (MGG(C8, C29, C30, C33, C34, C38, C42, C43, C44, C47, O2, P31, L33)).
11991 **fura da chavilla** *s.comp.f.* Ver FURA 1 /11987. A nosa fonte recólleo en plural. (MGG(A3, A6)).
11992 **furo da chavella** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Ver FURA 1 /11987. (MGG(Z1)).

9.4.10.3. A argola

Xa vimos en 9.4.6. que, en determinadas situacións do carreto en condicións difíciles, pode ser necesario reforza-lo tiro cunha segunda xugada ou máis. Noutros casos, cando o carro baixa unha costa, hai que termar del para que non caia sobre a xugada. Estas xugadas suplementarias engánchanse a unha argola colocada no extremo da cabezalla ou na traseira do chedeiro.

11993 **argola** *s.f.* Aro de ferro no extremo da cabezalla ou na traseira do carro para suxeitar unha segunda xugada. "También en la parte anterior de la lanza puede llevar una argolla para *acuartar* y otra en la parte posterior para *recuartar*. Es la *argola* en cualquiera de los dos casos" (Ancares2:228). O informante engade que en Lena é "*argolla* para *agavitar* y *gavita*; en Oseja de Sajambre, *barazón* o *argolla* para la *rabiscuarta*; en Sisterna, *argocha*, y atrás *rapiquera*; en galego: *argola*, como en Lubián". (Ancares2).
11994 **caravillón 2** *s.m.* Anel de ferro que leva a cabezalla na punta para enganchar unha segunda xugada. A fonte escribe *carabillón*. (Ibias1).
11995 **argola da cuarta** *s.comp.f.* Argola colocada no extremo da cabezalla á que se une a segunda xugada, a *cuarta*, para axudar a tirar do carro. (Ancares).

9.4.10.4. A argola do recadén

11996 **arrecadén 2** *s.m.* Ver ARGOLA DO RECADÉN /12004. (XLF5(84)).
11997 **caravilla 2** *s.f.* Ver CARAVILLÓN 3 /11998. (XLF5(76)).
11998 **caravillón 3** *s.m.* Anel de ferro no recadén do carro para enganchar unha segunda xugada. A fonte escribe *carabillón*. (Ibias1).
11999 **rabeira 3** *s.f.* Ver ARGOLA DO RECADÉN /12004. (XLF5(53)).
12000 **recadén 3** *s.m.* Ver ARGOLA DO RECADÉN /12004. (XLF5(74, 75, 84, 87, 165)).
12001 **argola da recuarta** *s.comp.f.* Ver ARGOLA DO RECADÉN /12004. (Ancares).
12002 **argola de recuartar** *s.comp.f.* Ver ARGOLA DO RECADÉN /12004. (Ancares).
12003 **argola do rastro** *s.comp.f.* Ver ARGOLA DO RECADÉN /12004. (XLF5(32)).
12004 **argola do recadén** *s.comp.f.* Argola que pende da última cadea do piso do carro e á que se suxeita a segunda xugada para frea-lo carro. (XLF5(42, 55, 77, 86, 87, 174)).
12005 **argola do retén** *s.comp.f.* Ver ARGOLA DO RECADÉN /12004. (XLF5(44)).

[1032] MSA.

12006 **caravillón d'atrás** *s.comp.m.* Ver CARAVILLÓN 3 /11998. A nosa fonte escribe *carabillón*. (XLF5(57)).

12007 **cavillel da recuarta** *s.comp.m.* Ver ARGOLA DO RECADÉN /12004. (Ancares).


12008 **cavillel de recuartar** *s.comp.m.* Ver ARGOLA DO RECADÉN /12004. (Ancares).

12009 ***anilla do recadén** *s.comp.f.* Ver ARGOLA DO RECADÉN /12004. (Gud5, XLF5(68)).

9.4.10.5. O cambón

A pértega coa que se une ó carro unha segunda xugada é normalmente de pau; pero tamén pode ser de coiro, vara retorta, cadea ou unha combinación destes elementos. Tamén serve para engancha-la xugada á grade.

> *Para achanzar a terra úsase a grade composta por uns dentes de ferro, que nun principio eran de pau, que atravesan uns chanzos, diante levan unha ou dúas argolas onde se engancha unha cadea que, por medio doutra argola, se unen a un pau, o soliño, temoa ou estrinque; por último este xúntase ao xugo para ser arrousado polos bois. Coa fin de que os dentes afonden na terra lástrase a grade con pedras grandes* (XLRG:22-23).



Grade, cambóns e soliños (Xaquín Lorenzo: *Historia de Galiza*) (XLF:201).

12010 **asola** *s.f.* Ver SOLIÑO /12033. (XLF5(167)).

12011 **ateiró** *s.m.* Pau unido ó xugo ó que se ata a corda da que tira a segunda xugada. Pintos escribe *ateirò*. (ERG, JMP).

12012 **bordelo 2** *s.m.* Ver CAMBÓN 1 /12018. (XLF5(10)).

12013 **cadea 2** *s.f.* Ver CAMBÓN 1 /12018. (XLF5(19, 28, 44, 57, 109, 114, 158, 174, 177, 185, 193)).

12014 **cadén** *s.f.* Ver CADEA 2 /12013. (XLF5(150)).

12015 **calamón** *s.m.* Pau co que se engancha o trillo ó xugo. (VGR).

12016 **cambito** *s.m.* Ver CAMBÓN 1 /12018. (Feás-A, Gro1, XLF5(15)).

12017 **cambo** *s.m.* Ver CAMBÓN 1 /12018. (ERGa, LCA1).

12018 **cambón 1** *s.m.* Pértega coa que se une ó carro unha segunda xugada. Rivas Quintas di que é común a moitos lugares de Galicia. Designa tamén, se non é o mesmo pau, o que se utiliza para arrastra-la grade e maila sachadora. (Común).

12019 **corre 2** *s.f.* Cadea do soliño. (Mel1).

12020 **chavillón 2** *s.m.* Pau cun gancho nun extremo e unha cadea no outro, co que se engancha a segunda xugada. (Suarna, XLF5(36, 43)).

12021 **chicote** *s.m.* Ver CAMBÓN 1 /12018. O noso informante non indica o material de que estaría feito este *chicote*, pero chama a atención que este termo mariñeiro, co significado de cabo -corda- ou extremo do cabo, se utilice para designar unha peza do carro en dúas localidades de Ordes, no interior. Segundo ERG, tamén designaría un "palo corto que usan los mozos cuando van de tuna". (XLF5(38, 49)).

12022 **estrinque** *s.m.* Pau ou cadea que une o carro co xugo da segunda xugada. (Gud5, XLF5(143), VGR).

12023 **estrobo 3** *s.m.* Peza de coiro ou vara retorcida que articula a grade co soliño ou os dous soliños entre si. Este estrobo, que funciona como unha articulación, ten como misión facilitar que as vacas viren ó chegaren ó lindeiro dunha veiga, cando van gradando. "La *grada* o *ghrada* [...] tiene un gancho [...] al que va un palo que se emplea como lanza y que se llama *cambón*, y cuyos dos extremos están atravesados por 'clavijas' (*cravillas*; *chavellas* en otros sitios). Por uno de ellos -el *estrobo*, *estrovo* en portugués- va sujeto a la grada y por el otro al yugo, que a su vez se ata con el *sobeo* o *loro*" (Ancares2:155-156). "*Estróbo*: Es como un círculo de 'costrán' que juntan las 'soles' o 'soliños' de la grade" (FMS:304). O propio Sarmiento explica o seguinte: "*Soles* o *soliños*: Son dos palos largos que en medio se unen con un *estrobo* para el juego y los dos sirven de *temón* o *cavezalla* para unir la *grade* al *jugo* y de modo que se puedan volver los bueyes" (FMS:304). Unha peza semellante debe de sela que encontramos en Mohías: "Cadena o tira de cuero que une el *cambón* (=cabezalla do arado) a la *sacadoira* (=pieza de las carretas)". Non temos outra fonte para definir *sacadoira* que o *Glosario de voces galegas de hoxe* que a define (en plural) como pezas da grade que se unen ó soliño, localizando a información en Razo. (Ancares2, FMS, Mohías).

12024 **gabeta** *s.f.* Ver GABITA 1 /12025. Ancares2 escríbeo con uve. *Adientri hay outra (a) rgola, na pezoeira da pértiga ía é pra tirer pralante, pra que lles axude outra parexa; ía pr'anganchar na (a)rgola hay úa cadea de ferro c'un gancho que chamamos gaveta, ía cuando non poden, dámoslles cuatro leñazos ia cuatro xostradas ia dicimos ¡vacón, puta que che paríu, aforrar afórrasche pero subir has de subir anque che parta un rayo! ía pinchémosllas coa aguilleda, ía despois tein que podir* (Ancares2:239). (Ancares, Ancares2).

12025 **gabita 1** *s.f.* Pau ganchudo nunha punta e cunha cadea na outra que serve para enganchar unha segunda xugada. ERGa escribe *gavita*. (Ancares, Burón, Ced., Cre., ERG, ERGa, Ped1, Per., Piquín, Suarna, XLF5(8, 30, 32, 33, 34, 35, 36, 41, 42, 43, 53, 55, 56, 68, 75, 77, 84, 86, 87)).

12026 **gabito** *s.m.* Ver GABITA 1 /12025. (Vala., XLF5(7, 9)).

12027 **recadén 4** *s.m.* Ver CAMBÓN 1 /12018. *No chedeiro irán os furacos pra meter os estadullos ou fungueiros, e na parte detrás, cólgalle unha argola, pra que cando faga falla, engancharlle o 'recadén', ou sexa, outro pau largo do que tirarán outras vacas, cando sexa mester, nalgunha costa pra baixo*. (JEFA:90).

12028 **ruxidoira** *s.f.* Cadea grande, especialmente a que se usa para o recadén. (Rabal.).

12029 **selón** *s.m.* Ver SOLIÑO /12033. (Cada.).

12030 **sol 1** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver SOLIÑO /12033. Rivas Quintas (s.v. *ensoliñar*) di que o nome é *sol* ou *soles* pero en masculino. Caa., Cab., Fri., Gro1, Marín, San. e XER danlle xénero feminino. ERQ dállo masculino. FMS e XLF5 non especifican xénero. (Caa., Cab., ERQ, FMS, Fri., Gro1, Marín, San., XER, XLF5(6, 12, 31, 79, 149, 168)).

12031 **sole** *s.* Ver SOLIÑO /12033. (XLF5(2, 3, 6, 60)).

12032 **solín** *s.m.* Ver SOLIÑO /12033. (Dum., ERGa, ERQ, MVN, Razo, Toba, XLF5(45, 83, 121), Xove).

12033 **soliño** *s.m.* Peza de madeira simple ou articulada ou cadea que se utiliza para engancha-la segunda xugada ou a grade, o canizo, a zorra ou algúns arados ó xugo. Por considerarmos que son o mesmo trebello, unimos nesta voz as acepcións que nos dan o *Glosario de voces galegas de hoxe* e mailo *Diccionario* Xerais. FMS descríbeo así: "Son dos palos largos que en medio se unen con un *estrobo* para el juego y los dos sirven de *temón* o *cavezalla* para unir la *grade* al *jugo* y de modo que se puedan volver los bueyes" (FMS:304). (Cod., Com1, ERG, ERQ, Fara1, FMS, Laxe, Mel1, Mel2, MVN, SComba, Ver1, XER, XLF, XLF5(27, 31, 38, 52, 63, 66, 82, 85, 91, 104, 105, 177), XRMF4).

12034 **solta 2** *s.f.* Ver SOLIÑO /12033. ERG defíneo como "correa del *soliño*". (Ced., Com1, ERG).

12035 **suguiño** *s.m.* Ver SOLIÑO /12033. (Goián).

12036 **sulín** *s.m.* Ver SOLIÑO /12033. (Mon).

12037 **suliño** *s.m.* Ver SOLIÑO /12033. (Caa., Cab., Com1, Cur., Gui., Nove., Oirós, Sob.XLF5(16, 104, 115, 125)).

12038 **tamoncela 1** *s.f.* Ver TEMONCELA /12040. (Mez., Mez3, Osoño, Osoño2, Pentes1, XLF5(156, 174, 182, 184)).

12039 **temoa** *s.f.* Ver TIMOA /12041. (ERQ3, Lemos2).

12040 **temoncela** *s.f.* Temoa pequena, pau longo usado para xunguir unha segunda parella ó carro, cando unha non pode coa carga. (Cal., Lemos2, Mra., Porto, XER, XLF5(146, 161, 165, 200, 201)).

12041 **timoa** *s.f.* Pau ou cadea de ferro para que unha xugada axude á outra. (Cha., ERG, ERQ3, Incio, Lan., XER).

12042 **timoá** *s.f.* Ver TIMOA /12041. Consideramos sospeitosa esta entrada oxítona, por ser Xaquín Lorenzo a única fonte que dá esta forma pero non recolle a forma máis común *timoa*. (XLF5(75, 111)).

12043 **timoeiro 3** *s.m.* Ver SOLIÑO /12033. *Pra 'solar' (solear) emprégase o chamado 'pau das soles' ou 'pau de atimoar', que é un segundo 'timoeiro' ou 'soliño', co que se engade unha xugada á outra que vai posta ao carro*. (Parade.:59) (Cal.,Incio,Pantón,Parade).
12044 **timoncela** *s.f.* Ver TEMONCELA /12040. (XLF5(73, 123, 145)).
12045 **tirandela 2** *s.f.* Pau ou cadea coa que se engancha a segunda xugada. (Beluso).
12046 **tirantaina** *s.f.* Ver TIRANDELA 2 /12045. (XLF5(73, 165)).
12047 **tiro 1** *s.m.* Ver SOLIÑO /12033. (XLF5(76, 87, 142)).
12048 **tirón** *s.m.* Ver SOLIÑO /12033. (XLF5(77)).
12049 **tremoncela** *s.f.* Ver TEMONCELA /12040. (XLF5(122)).
12050 **trinque 2** *s.m.* Ver SOLIÑO /12033. (XLF5(77)).
12051 **tumuciela** *s.f.* Ver TEMONCELA /12040. (Ped2).
12052 **xuliño** *s.m.* Ver SOLIÑO /12033. (Com1).
12053 ***cadena 2** *s.f.* Ver CADEA 2 /12013. (XLF5(24, 101, 114, 118)).
12054 **cadea da sol** *s.comp.f.* Ver CADEA 2 /12013. (XLF5(160)).
12055 **chavella de acuarte** *s.comp.f.* Chavella na que se engancha a segunda parella de vacas para que turre do carro en caso necesario. (Hermi.).
12056 **pau das soles** *s.comp.m.* Segundo soliño, co que se engade unha xugada á outra que vai posta ó carro. (Parade.).
12057 **pau de atimoar** *s.comp.m.* Ver PAU DAS SOLES /12056. (Parade.).
12058 **tiro de ferro** *s.comp.m.* Ver SOLIÑO /12033. (XLF5(86)).
12059 ***cadena de solear** *s.comp.f.* Ver CADEA 2 /12013. (XLF5(21, 59, 147)).

9.4.10.6. O ranqueiro

En certos casos, para que a carga dianteira non moleste o gando, maiormente se é toxo ou algo que poida mancalo, colócase un forcado vertical no nacemento da cabezalla que ampare esa carga: é o ranqueiro. A tipoloxía pode variar dende unha forquita máis ou menos simple ata unha estrutura composta máis complexa.

12060 **acecarro** *s.m.* Ver ACICARRO /12061. (XLF5(91)).
12061 **acicarro** *s.m.* Ver CHICARRO /12078. No dicionario de Galaxia vén así como entrada, pero na voz *cambón* dá como sinónimos *boeira*, *ranqueiro* e mais *acicharro*, probable erro por *acicarro* ou *achicarro* pero que nos fai lembra-la forma *chicarro* que recolle Rivas Quintas. (Com1, GAL, MVN).
12062 **boeira 1** *s.f.* Ver BOIEIRO 4 /12065. (Com1, GAL, Maía2, XLF5(21, 27)).
12063 **boeiro 2** *s.m.* Ver BOIEIRO 4 /12065. (GAL).
12064 **boeira 5** *s.f.* Ver BOIEIRO 4 /12065. (San.).
12065 **boeiro 4** *s.m.* Fungueiro groso e aforquitado, na unión da cabezalla co chedeiro, que evita que a carga caia sobre o gando. (GAL, Maía2).
12066 **bueira** *s.f.* Ver BOIEIRO 4 /12065. (Com1, XLF5(63)).
12067 **bueiro** *s.m.* Ver BOIEIRO 4 /12065. (Razo).
12068 **cabirta 2** *s.f. Ú. m. en pl.* Especie de forquita que se fixa na parte dianteira do carro para ter conta dos canizos. (Beariz).
12069 **cadeixo** *s.m.* Boieiro do carro do país. (Ced., XLF5(7, 8, 9, 35, 36)).
12070 **cambón 5** *s.m.* Forquita que se coloca na base da cabezalla e que serve para suxeita-la carga. Do *Diccionario* da Real Academia copiamos esta descrición do *cambón*: "Pieza del carro, formada por una gruesa horquilla, que se coloca en la lanza o *cabezalla*, contra las *chedas*. Sirve para sujetar y estrechar la carga entre sus púas. Se compone de cuatro piezas, a saber: *ponte*, que es una barra o cuña de madera debajo de la cual pasa la cabezalla y sujeta el *cambón*: otra *ponte*, que es, por lo regular, una barreta de hierro, sobre la anterior, y sujeta los dos *gallos* o púas del *cambón*: y las dos *pugas* (púas) o *gallos*. El *cambón* se diferencia del *ranqueiro*, en que éste tiene las púas rectas y más altas que aquél, y el *cambón* las tiene un poco curvas". (DRAG, ERG, GAL).
12071 **camboto** *s.m.* Ver CAMBÓN 5 /12070. (XLF5(114)).
12072 **canga 8** *s.f.* Fungueiro especial que leva o carro na parte dianteira cando avulta moito a carga. (Caa., Cab., Feás-A, GAL, Gui., Mel1, Sob.).
12073 **cangalleira 2** *s.f.* Ver CANGA 8 /12072. (GAL, XLF5(12, 24)).
12074 **cangalleiro** *s.m.* Ver CANGA 8 /12072. (San.).
12075 **cangón 2** *s.m.* Ver CANGA 8 /12072. (Caa., Cab., PUme3, XLF5(2)).
12076 **cargadeira** *s.f.* Ver CAMBÓN 5 /12070. (Rosal).
12077 **carranca** *s.f.* Peza forte que se pon na dianteira do chedeiro co fin de que a carga non moleste á xugada. (Parade.).
12078 **chicarro** *s.m.* Forquita recia e curta colocada na dianteira do carro para ampara-la carga. (Dena2).
12079 **encarradoiro** *s.m.* Ver CHICARRO /12078. (Bueu3).
12080 **encarradouro** *s.m.* Ver CHICARRO /12078. (XLF5(159)).
12081 **escada 2** *s.f.* Ver RANQUEIRO /12097. (Maía2).
12082 **forcada** *s.f.* Ver RANQUEIRO /12097. (XLF5(50, 51)).
12083 **forcado** *s.m.* Ver RANQUEIRO /12097. (XLF5(133)).
12084 **forquita** *s.f.* Ver RANQUEIRO /12097. (XLF5(31)).
12085 **fueira** *s.f.* Ver RANQUEIRO /12097. Laxe e Mel1 especifican que se trata dun traveseiro horizontal que une os dous fungueiros de diante e que soporta a carga. (Laxe, Mel1, XLF5(64, 65)).
12086 **galla 3** *s.f.* Ver RANQUEIRO /12097. (XLF5(93)).
12087 **gallado** *s.m.* Ver RANQUEIRO /12097. (XLF5(30)).

12088 **galleiro** *s.m.* Ver RANQUEIRO /12097. (XLF5(11, 15)).
12089 **gallita** *s.f.* Ver RANQUEIRO /12097. (XLF5(52, 71)).
12090 **gallo 2** *s.m.* Ver RANQUEIRO /12097. (XLF5(74)).
12091 **gardabois** *s.m.* Peza colocada sobre a cabezalla, que suxeita a carga na parte anterior do carro. En certos sitios ten forma de V. Chámaselle así porque serve para acondiciona-la carga no carro e evitar que esta, cando é áspera, fira a xugada. (Sis., XLF5(1)).
12092 **gaxano** *s.m.* Ver RANQUEIRO /12097. (XLF5(128)).
12093 **oucicarro** *s.m.* Ver CHICARRO /12078. (MVN).
12094 **pega 2** *s.f.* Ver RANQUEIRO /12097. (XLF5(88, 112)).
12095 **rangueiro** *s.m.* Ver RANQUEIRO /12097. (Burón, Suarna, XLF5(31, 31, 32, 33, 34, 36, 37, 41, 42, 43, 44, 53, 55, 68, 74)).
12096 **ranqueira** *s.f.* Ver RANQUEIRO /12097. (GAL, Mon.).
12097 **ranqueiro** *s.m.* Peza de madeira en forma de V que vai situada na parte dianteira do chedeiro. DRAG diferencia o *ranqueiro* do *cambón* en que este ten as pugas un pouco curvas e aquel as ten rectas e máis altas. (Ced., ERG, GAL, XLF5(17, 29, 31)).
12098 **raño** *s.m.* Ver RANQUEIRO /12097. (MVN).
12099 **renqueira** *s.f.* Ver RANQUEIRO /12097. (Cre., XLF5(30)).
12100 **zuncho** *s.m.* Ver CAMBÓN 5 /12070. (Com1).
12101 ***cabrita** *s.f.* Ver CABIRTA 2 /12068. *Na dianteira* [do chedeiro] *pode ir a 'cabrita' no canto dos estadullos. En San Lourenzo sustitúese a cabrita por unha solta que amarra os dous estadullos dianteiros*. (Friei.:215).

9.4.11. Turrar do carro

Un dos traballos do gando na gandería tradicional galega era a de ser forza motriz do medio de transporte de todo tipo de mercadorías ou trebellos que era o carro. Esta acción denominábase *carreto, carrexo* ou *carrexa* con variantes. Pero estas palabras denominan tamén un transporte específico que era o que se facía extraordinariamente e de forma cooperativa en beneficio dalgún veciño, ben por necesidade, ben pola urxencia: cousa que se chamaba leva-las cousas *ó carreto* (CLam3).

12102a **acarreto** *s.m.* Ver CARRETO /12102d. (Mez.).
12102b **acarrexa** *s.f.* Ver CARRETO /12102d. (Ver1).
12102c **acarrexo** *s.m.* Ver CARRETO /12102d. (Ped1).
12102d **carreto** *s.m.* Acción de transportar mercadorías varias nun carro tirado por bois ou vacas.(Barro, Burón, CLam3, Com1, Cod., Mra., Ped1, Vala., Ver1).
12102e **carrexa** *s.f.* Ver CARRETO /12102d. (Cal., Gud., Mez, Ver1).
12102f **carrexo** *s.m.* Ver CARRETO /12102d. (Feás-A,Suarna, Ped1.).
12103a **arrepender** *v.* Frear [a xugada] [o carro] por unha costa a abaixo. *Aí vaca, arrepende o carro*. (Fra.).
12103b **coucear 2** *v.* Tirar polo carro [a xugada] unida a el. (Feás-A, Laxe, Mel1).
12104 **turrar 4** *v.* Tirar polo carro. A nosa fonte en Cod. especifica que é "referido, sobre todo, a las vacas cuando van con el carro por un camino estrecho". (Común).
12105 **tuxar** *v.* Turrar [os bois] polo carro. (ERG).
12106 **ir a sinxelo** *loc. v.* Ver IR ÁS SINXELAS /12107. (Mra., Ped., XER., Xun.).
12107 **ir ás sinxelas** *loc. v.* Ir [o carro] tirado só por unha xugada. (Burón, Suarna).
12108 **ir ás xelas** *loc. v.* Ir [o carro] cunha xugada nada máis. ¿El será unha evolución de *ás sinxelas*? (Ped1).
12109 **ser da mesma man** *loc. v.* Estar afeitas [dúas vacas] a turrar do mesmo lado do carro. (Cazás).

Aran as vacas e tiran os bois. (VS) [1033]
Boi vello, sólo cos ósos puxa o carro. (VLLM:1,136) [1034]
Catro bois nun carro ben tiran pra arriba e millor tiran pra abaixo. (ERG:boi)
Catro bois nun carro, se ben turran pra arriba, millor turran pra abaixo. (ERG:carro; Xinzo2 ; XLF3:62) [1035]
Costa abaixo calquera boi turra. (XTC4) [1036]
Deica abaixo, sin bois andan os carros. (VLLM:1,139) [1037]

[1033] No refraneiro parece haber discrepancia en se é mellor arar con vacas ou con bois. Naturalmente isto debe depender da dureza do terreo. Este refrán parece preferi-las vacas para arar (non para tirar) pero lembramos un refrán castelán do Bierzo que di *El que ara con vacas y enxuga con sogas, sembrará trigo y cogerá tobas* (SCD:32).
[1034] Llópiz cita var. *Boi vello labra cos ósos*; recólleo de V. Risco (1953).
[1035] No texto: *baixo* (XLF3); *mellor, para* (Xinzo2); Xaquín Lorenzo lembra o paralelo *Costa abaixo todolos santos axudan*.
[1036] No texto: *calquer*.
[1037] Llópiz explica *desde aquí hacia abajo*; recólleo de M. e M. Penelas de Pontecesures.

Pra abaixo, calquera boi turra. (ERG:abaixo; EAG:26; XLF3:62; VS) [1038]
Pra baixo anda o carro sin bois. (VS) [1039]
Pra baixo, calquera boi tira. (MC:94)
Dice o boi pequeno: "Carga, carga, que eu non o hei levar". (VS)
En xaneiro, nin galgo lebreiro nin boi carreteiro. (VS) [1040]
Hastr'onde chega o carro chegan os bois. (VLLM:1,148) [1041]
Onde van os carros, van os bois. (VLLM:1,148) [1042]
Máis tiran dúas tetas que dúas carretas (UCA2:44; XMSM:61; ZM:131) [1043]
Tira máis pelo de cu que xunta de bois. (XSL:28) [1044]
Tira máis un pelo da cona ca unha parella de bois. (Curro)
Tira máis unha teta que cen bois por unha carreta. (VS)
Tiran máis dúas tetas ca unha parella de bois. (Curro)
Tira boi, tira vaca, tira gorda pola fraca. (Trazo) [1045]

Catro bois e catro vacas
soben carro costa arriba,
non hai home nesta terra
que catro véce-lo diga. [1046]

Catro bois e catro vacas
suben pola costa arriba.
Non hai home nesta terra
que catro veces o diga. [1047]

De Pesadoira a Cornado
rapazas de Pesadoira
ponte marela ó carro. [1048]

Dominco pilla pra adiante
a vai fase-la milleria.
Vente ti conmigho, Estrela
á hierba con alcasén
porque antre dúas suvencas
os carriños tiran ben. [1049]

Mariquiña - do terbelladoiro
á teu pai - morreulle un boi mouro,
agora ti - tirarás polo carro
filla de cáganlle os bois no arado. [1050]

Mariquiña do trebelledouro,
a teu pai morreulle o boi louro,
hora que non tedes gado
ti e máis el tirareis polo carro. [1051]

O Campo de Badernado.
Unha fala, duas falas:
-"¡Ponte, Marela, no carro!". [1052]

Teiman os bois polo carro
os remos polo batel;
choran os meus ollos auga
porque se vai meu Manoel. [1053]

1038 EAG: *Pra baixo*.

1039 VS ofrece tamén estoutra grafía: *¡Pra baix[o] and'o carro sin bois!*

1040 Saco explica que *La blandura del terreno, a causa de las lluvias no permite correr al galgo ni tirar al buey*, e ofrece esta equivalencia: E.: *En enero no hay galgo lebrero, ni buey carretero* (R. Marín). Tamén ofrece esta variante: *En xaneiro, nin galgo leboreiro nin falcón perdigueiro*, coas súas equivalencias: P.: *Em janeiro nem galgo lebreiro, nem açôr perdigueiro*. *Ao galgo o mais lebreiro, foge a lebre em janeiro* (Chaves); E.: *En enero, ni galgo lebrero ni azor perdiguero* (Correas) .

1041 Recólleo de L.O.P en 1905; explica que o carro vai a onde quere o carreteiro.

1042 Llópiz: *ván.*

1043 No texto: *mais, duas* (UCA2).

1044 XSL: *cú*.

1045 No texto: *ghorda, flaca*.

1046 Morei:397. No texto: *vecelo*. A grafía nosa non é normativa pero é un exemplo máis de que a segunda forma do artigo aparece mesmo despois de substantivos.

1047 FBB8. Recóllea na Ponte Ulla.

1048 SCHU4/2/517a. O informante é da Serra de Outes; os lugares que cita son do concello estremeiro de Negreira: Pesadoira, da parroquia de Alvite; e O Cornado, da de Bugallido.

1049 SCHU5/2/30. Fragmento dunha regueifa. No texto: *porqu'antre*.

1050 JPBI:139.10. No texto: *d'o terbelladoiro, morreull'un, filla de cág...ll'os bois n-o arado*. Ver explicación en nota ó rf. *Mariquiña do terbelledoiro*..., no apartado 2.2.1.1. *Raza marela* no capítulo 2. *Exterior*.

1051 DBP:129. No texto: *trevelledouro*.

1052 Muros.

1053 XLF3:55. Localízaa en Mariñas.

Tira, vaca, polo carro,
tira, boi, polo chedeiro;
quen quixer moza bonita
veña buscala a Loureiro. [1054]

¿Cál é a cousa,
cál é ela?
Campo grande,
laboura negra,
cinco bois
a puxar
unha carreta. [1055]

Terra branca,
semente moura,
cinco bois
tirando por unha carreta. [1056]

O carreteiro que non sabía o camiño [1057]

Era un home que se dedicaba a ghaña-la vida facendo carretos, cun carro de bois, porque antes non había tratores e outras cousas máis.

Entonces saliu de Tui á Coruña a facer un carreto, co carro de bois. Pero cheghou a un certo punto que el xa non podía andar máis, e os bois tampouco, xa lles doían as uñas. Entón preghuntoulle alí a un home:

- ¿Señor, a min fáltame muito para cheghar á Coruña?

E el dixo:

- ¿E usté de onde é, meu santo?

- Eu son de Tui.

- Bueno, aínda non vai usté na mitá do camiño.

E o home dixo el:

- ¡Cristo divino!, ¡meus trinta reás camiño da Coruña! Cea, vou p'atrás.

E o coitado do home deu volta p'atrás e perdeu de ghanar trinta reás.

9.4.11.1. Problemas no carreto

12110 **atracar** *v. Ú. t. c. prnl.* Empurrar, apoiarse [un animal] contra o outro cando van tirando polo carro ou o arado, dificultando o avance. LG recólleo como pronominal. (Forc1, LG).

12111 **enturrar 2** *v.* Axugar mal [unha vaca] [coa outra], camiñar turrando unha contra a outra. (Ver4).

12112 **rebelar 1** *v.* Pararse [a xugada ou a cabalería] cando non pode coa carga. *Rebelaron as vacas*. (Piquín).

12113 **retranquear** *v.* Tirar cara ós lados [a xugada] cando non pode coa carga do carro. (Piquín).

Boi que non val pra o carro, val pra o arado. (VLLM:1,135) [1058]
Mal pra o carro, pior pra o arado. (VLLM:1,143) [1059]
Si mal vai o boi no carro, pior irá no arado. (VLLM:1,153)

9.4.11.2. Dar cheda

12114 **abordelar 2** *v.* Ver DAR CHEDA 1 /12120. (XLF5(2, 7, 9, 28)).

12115 **achedar 1** *v.* Axudar, puxar polo carro facendo forza nas chedas. Por extensión, axudar, botar unha man en calquera circunstancia. (Com1, Cove., ERG, LimiaB, Ver1, XLF4, XLF5(189)).

12116 **asobar 2** *v.* Ver DAR CHEDA 1 /12120. (DRAG).

12117 **botar polas chedas** *loc. v.* Ver DAR CHEDA 1 /12120. A nosa fonte escribe *botar pol-as chedas*. (LCA1).

12118 **botar polo carro** *loc. v.* Puxar polo carro para que arranque, axudar ó gando para sacalo de algún paso difícil. (ERG).

[1054] Coto2:101.
[1055] A escritura. APG:212.
[1056] Papel, tinta, dedos e pluma. Gud5:40.
[1057] CNC:377. Recollido en Guillarei, Tui, Pontevedra, de Mercedes Castiñeiras, de 68 anos de idade en 1997.
[1058] Llópiz: *pra*-o. Recólleo de A.González, sacerdote de San Cristovo de Martín (Lugo).
[1059] Llópiz: *prao*; recólleo de Saco y Arce. Compárao con aqueloutro que di *Boi que non val pra o carro, val pra o arado* e di que o de Saco está máis en razón, porque o arado quere bois corpulentos e animosos.

12119 **dar brazó** *loc. v.* Empuxa-lo carro axudando ás vacas. (LP).

12120 **dar cheda 1** *loc. v.* Axudar [á xugada] arrimando o ombro á parte posterior do chedeiro ou por detrás da roda. Eladio Rodríguez amplía o significado recto de puxar polo carro: "Ayudar a uno en alguna empresa difícil" (ERG:dar); "Dar facilidades a uno para que consiga aquello que desea; dar pretexto o motivo para que una persona persista en el propósito que había concebido" (ERG:cheda). *Cando as vacas non poden hai que dar cheda* (Berres2). (Berres2, Cañiza3, ERG, LCA1, Piquín, Ver1, Xun2).

12121 **darlle ó brazó** *loc. v.* Ver DAR CHEDA 1 /12120. A nosa fonte escribe *darlle ô brazó*. Lémbrese que *brazó* e *brazo* son denominacións das chedas do carro. (XLF5(174)).

12122 **gurrar na cheda** *loc. v.* Puxar, facer forza sobre a cheda. (Cove.).

Un home ó brazó tira tanto como media vaca. (XLF6:57) [1060]

9.4.11.3. Outros conceptos

12123 **cinco bois turrando** *loc. s.* Dedos da man. Úsase nas adiviñas. (IRC:1504).

9.5. O arado

Tirar por un arado que remova a terra para aireala, botarlle esterco e posteriormente sementar é un dos traballos que durante milenios tiveron que facer vacas e bois, antes de que os tractores [1061] as viñesen liberar deste penoso esforzo no último terzo do século XX. Inicialmente os arados deberon ser os arados romanos ou de pau que practicamente só facían un pequeno rego pero no século XX o normal xa era arar cun arado de ferro que volteaba a terra traendo á superficie a capa inferior da terra mediante un movemento espiroide: o arado romano era xa residual.

> *E xa como ferramenta máis complicada temos o arado, que xa se empregaba na Galicia celta, a tal efecto dicía Silio Itálico que os homes tan só se dedican á loita e non a levar o arado, que era cousa de mulleres. Coa romanización acadou o cultivo do campo un gran pulo, comezándose a utilizar o arado, cuxo uso se mantivo durante moito tempo e en algúns lugares de Galicia aínda se seguía empregando, polo menos non hai moito. O arado faise en case a súa totalidade de madeira de carballo e consta dunha peza angular que se colle coa man por un dos lados -a rabiza- mentres o outro -o rostro- vai paralelo ao chan e leva en punta a rella, de forma cónica, pero tamén pode ser plana, triangular ou case semicircular. Detrás da rella atópanse dúas pezas diverxentes no plano do rostro, chamadas abeacas sostidas por unhas travesas ao ameixelo. Da base da rabiza sae o temón, un pau longo que leva na punta a chavella, que serve para xunguir ao arado a parella de tiro. Entre o temón e o rostro atópase unha travesa de madeira que encaixa nos dous, e que reforza todo o conxunto, que recibe o nome de teiroa, o temón leva un burato no que vai colocado o coitelo, a seita* (XLRG:22-23).

Quizais sexa útil lembrar aquí que, moito antes da chegada dos tractores, xa había un sistema de arada que podiamos considerar case industrial, porque revolvía a terra coa profundidade dun tractor, aínda que non coa súa velocidade: era o *vesadoiro*. Utilizábase maiormente en terras que levaban anos sen cultivar e que estaban especialmente compactadas e duras. Araceli Liste Fernández dedicoulle unha completa monografía a este arado (AL) e noutro traballo sobre o mesmo tema (AL2) caracterízao así:

> *O vesadoiro era un arado que traballaba en terras profundas, cun elevado índice de humidade. Utilizábase para prepara-lo terreo para un monocultivo, e o seu labor era comunitario. As súas características formais son moi específicas, xa que posúe: 3 rabizas; un gran dente, onde se cravaba a rella, que era de grandes dimensións; un temón, que se apoiaba nun carreto; e, por último, un tren de tirada composto por sol e soliño, que distribuía de 4 a 11 parellas de bois.*

[1060] Localízao na Gudiña e explícao así: *Que ninguna ayuda es despreciable nos lo hace saber este otro. 'Tirar ó brazó', o también 'achedar', es empujar el carro apoyando el hombro en el extremo del brazó o cheda para ayudar al ganado a salvar algún obstáculo o paso difícil.*

[1061] Véxase a nota a rodapé en 9.4.10.

Araceli Liste sostén que a aparición do vesadoiro estivo vinculada á chegada do millo á agricultura galega. E engade que se necesitaban dous homes para *afalar* os bois, que se distribuían entre o *pé* (primeira xunta), a *lura* (segunda xunta), as *entreluras* e, por último, a *punta* (AL2).

O P. Sarmiento xa coñeceu no século XVIII o vesadoiro e describiuno en diversos lugares do *Catálogo de Voces y frases de la lengua gallega* e na *Obra de 660 pliegos* (FMS:100-101):

> *Pero aún se conserva en Galicia un género de arado que tiene por cuatro de los arados de Castilla. Llámase besadoiro, y el arar con él se llama besar. Sólo se usa del besadoiro para besar, arar y romper praderías o tierras que hace tiempo que han estado incultas. El ferro o reja del besadoiro es tan grande y redonda como una criba. Descansa sobre dos ruedas, como si fuese un carrito. Tiene tres estevas, y a ellas van arrimados tres forcejudos hombres para empujar y dirigir la reja. Para tirar del besadoiro se aplican siete u ocho pares de bueyes muy briosos. Delante de ellos va un pequeño aradito haciendo el camino o señal por donde se ha de ir dirigiendo el besadoiro. Fácil es discurrir qué surco no hará una reja tan grande y ancha tirada de tantos bueyes. He sido testigo, y no se hacía surco sino zanja de una vara de profundo.*
>
> *Una única vez vi besar el prado en Pontevedra siendo de diez o de trece años. Después jamás vi besar, ni besadoiro, y preguntando en el dicho país, más de cincuenta años después, por el dicho grande arado, a muchos cogió de nuevo la pregunta. Pero supe que, tierra adentro, aún se usa el besadoiro. Lo que puedo asegurar es que el dicho prado que vi besar, y que se sembró de maíz, dio una prodigiosa cosecha.*
>
> *Jamás he visto escrita la voz besadoiro y el verbo besar en esta significación, y así no sé su ortografía si ha de ser besar o vesar y si besar o bessar con dos SS. Sólo vi la cosa y oí los nombres, pero nunca los he leído.*
>
> *...*
>
> *La única vez que siendo niño vi besar una tierra noté que el surco era una zanja de una vara de profundo y del ancho correspondiente. Vi que el besadoiro levantaba unos terrones tan grandes a un lado y a otro, que se me representaban montes de tierra; y como el besadoiro iba tan veloz, no pude continuar a ver aquel arrollar de terrones, porque se me turbaba la vista. A los lados estaban apostados unos hombres con azadones, para desterronar y reducir a polvo los terrones. No sé qué es lo que se hace cuando se encuentra un peñasco. Supongo que el que va delante con el arado avisa para que el peñasco se salve. En cuanto a raíces todas se arrancan con facilidad con la fuerza que aplican siete u ocho pares de bueyes. Después de besado el terreno se ara y se prepara con las demás labores para sembrarle. Todo lo demás lo dirá cualquiera gallego que haya manejado el besadoiro.*

Pensado Tomé, editor de Sarmiento, dedicou un extenso artigo a este asunto e repara no testemuño de que no século XVIII xa se iniciara a crise do vesadoiro. E menta outro tipo de arado con rodas, menor có vesadoiro pero maior có arado habitual: a *charrúa*. A charrúa, do francés *charrue*, precisaba varias parellas de bois pero non tantas (dúas ou tres parellas). Outra persoa que estudou isto foi H. Schneider [1062] que viu na Limia charrúas con rodas. O certo é que arados cunha roda tamén se usaron na segunda metade do século XX en zonas de Pontevedra: en Caritel e na Lama aínda se conservan exemplares cunha roda dianteira e dúas rabelas.

A fortaleza deste arado debeu de ser tamén o seu problema: nun país de minifundio non resulta posible para tódolos labregos meter un arado tirado por varias parellas de bois que precisan moito espazo para rousaren (dar a volta) ó chegaren ó comareiro: só debía ser manexable en espazos grandes e, por iso, infrecuentes. No Museo Liste de Oseira pódese aínda contemplar un vesadoiro. Falando do vesadoiro, léase o texto *vesadoiro e charrúa* de José Luís Pensado Tomé en 16.1.

Falando do arado, en xeral, presta ler en 16.1. os versos que Manuel María titula *Sementeira* e *O arado;* o poema *Os bois* de Pura Vázquez e mailo titulado *O arador* de Manuel Yáñez González.

12124 **arado** *s.m.* Aparello agrícola co que se abre a terra en sucos ou regos para aireala e preparala para recibi-la semente. (Común).

12125 **charrúa** *s.f.* Arado. *En Manzalbos, A Mezquita, aparece tamén algo a charrúa, arado que leva unha rodiña*. Ver CHARRUAR /12159. (Friei.).

12126 **pelado** *s.m.* Arado. Úsase nas adiviñas. (ANV1:103, PM:351, 352, 353, 725, VG:7.12.1985).

[1062] "Studien zum Galizischen des Limiabeckens", *Volkstum und Kultur der Romanen*, XI, 3-4, 1938, 263.

12127 **tarangulo** *s.m.* Arado. Úsase nas adiviñas. (PM:726).
12128 **vesa 1** *s.f.* Rella do arado. (Meaño).
12129 **vesadoiro 1** *s.m.* Arado, en xeral. Martín Sarmiento di que daquela era un arado con rodas e tirado por seis ou oito pares de bois (FMS:304). Eladio Rodríguez descríbeo con dúas ou tres coitelas que corten ben o terrón e esponxen a terra, cunhas orelleiras que chegan á rabiza. O noso informante de Ctel1 explicounos que tiña 3 rabelas e, por veces, rodas, tirado por 4 ou 6 vacas. As fontes escribían esta palabra con be inicial ata recentemente. (Ctel1, ERG, ERQ, FMS, Fra.).
12130 **vesadoiro 2** *s.m.* Arado de pau. Despois veu o *arado portugués* (con rodas) e despois o *arado de ferro* (con 2 vertedeiras). (Ctel3).
12131 **vesador** *s.m.* Arado de ferro. (Oirós).
12132 **veso** *s.m.* Arado de ferro. (Com1, San.).
12133 **arado de ferro** *s.comp.m.* Arado que se emprega para ara-la horta, se esta ten extensión para arar coa xugada ou co tractor. (Gro1, Parade.).
12134 **arado de pau** *s.comp.m.* Arado romano. (Gro1).

En maio, que corra a auga detrás do arado. (ZM:97)
Maio pardo, San Xoán claro, valen máis que o boi e o arado. (Maceda2) [1063]

Moucho petoucho,
faime un arado;
se mo fas
faimo de ferro,
que de pau
non cho quero. [1064]

O que descurre Avaristo
inda non o descurre o demo
fixo un arado dun pau
con abeacas de ferro
e coa roda dun coche
e uns tirantes de plástico
e unhos corres de vimbio
fixo sestos pras patacas
que inda non deitan o millo... [1065]

Pito pelado,
faime un arado,
que teño que arar
o meu ferrado. [1066]

Rapaza se vas arare
prestareiche o meu arado
ten pescuños e peneiros
está moi bien arreglado. [1067]

Dous peludos
cun pelado;
e un fura-fura
e outro calca no rabo. [1068]

Dous peludos
cun pelado;
unha fura-fura
e un calca-rabos. [1069]

Dous peludos
cun pelado;
unha fura-fura
o outro calca no rabo. [1070]

Dous peludos
e un pelado
e outro que lle colga o rabo. [1071]

Dous peludos,
un pelado,
unha anguía
e un calca-rabos.[1072]

[1063] No texto: *Mallo, Xan Xuan*.
[1064] RCI:81.
[1065] SCHU1/2/239. No texto: *n-o descurr'o demo, fix'un, fiso sestos práh patacas, qu'inda.*
[1066] RCI:170.
[1067] SCHU1/2/235b. No texto: *prestareich'o, tén, 'stá.* Os *pescuños* son as cuñas que aseguran o temón do arado á teiroa e á rabela; os *peneiros*, pasadores que aguantan das orelleiras ou abeacas no dente do arado, e *arreglado* significa regulado.
[1068] Os bois, o arado, a aguillada e mailo labrego. APG:89.
[1069] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:351.187.
[1070] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:351.
[1071] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:351.187.
[1072] Os bois, o arado, a aguillada e mailo labrego que anda atrás pinchando nos bois. VG:7.12.1985; ANV5:2,15. Tamén ANV1:103: *anguila*.

Dous peludos,
un pelado,
unha anguía
e Xan Queitán. [1073]

Dous peludos,
un pelado,
unha anguila
e un calcarrabos. [1074]

Dous peludos,
un pelado,
unha miñoca
e un colea-rabos. [1075]

Dous peludos,
un pelado,
unha miñoca
e un escarabanza. [1076]

Dous peludos,
un pelado,
unha miñoca
e un escarrancado. [1077]

Dúas peludas,
un pelado
e un cálcalle no rabo. [1078]

Pelo con pelo,
panza con panza
e o pelado no medio. [1079]

Pelo con pelo,
panza con panza,
o tarangulo no medio
e que siga a danza. [1080]

9.5.1. O temón do arado

12135 **cambón 2** *s.m.* Temón do arado. (AG-AO, CP, ERG, Ram.).
12136 **lata** *s.f.* Temón do arado. (Muros3).
12137 **tamón** *s.m.* Ver TEMÓN /12140. (CP, Gud5).
12138 **tata** *s.f.* Temón do arado. A grafía da letra te debería levar debaixo un punto, que indique o son cacuminal característico da zona, algo parecido a [tsatsa]. (Ibias2).
12139 **teimoa** *s.f.* Ver TEMÓN /12140. (Carral).
12140 **temón** *s.m.* Lanza e cama do arado, que forman unha única peza á que se xungue a parella de bois que aran. (FMS, Merca, Noia3).
12141 **teumón** *s.m.* Ver TEMÓN /12140. (Sandiás).
12142 **timoeiro 2** *s.m.* Ver TEMÓN /12140. (ERG).
12143 **timón 2** *s.m.* Ver TEMÓN /12140. (Ancares, Ancares2, CP, ERG, Gro1).
12144 **tomón** *s.m.* Ver TEMÓN /12140. (Gro1, Mond5).
12145 **cabeza do arado** *loc. s.* Parte superior e dianteira do temón do arado ou do carro. (Pnova).

9.6. Arar

Tira ben polo arado, miña vaquiña marela. Así empeza unha popular cantiga de Nadal. A vaca tirando do arado e da grade, chamada moitas veces por rapaces, é unha estampa típica da Galicia rural anterior á mecanización iniciada no último terzo do século XX. O arado e maila grade de feitura tradicional son outros dous apeiros que resulta difícil imaxinar manexados por algún outro elemento tractor. Os tractores hoxe xa aran e gradan con sistemas diferentes e de maior efectividade.

Falando de arar, presta le-las *Cantigas de arada* de Ricardo Flores e mailos versos de José Iglesias Roura titulados *Tras do arado* (16.1).

[1073] Paco Martín recolle tamén a forma *Xan Guindán* que, sen dúbida, é máis popular, polo menos nos romances, pero quédase con *Xan Queitán* por fidelidade á primeira que anotou. PM:352, APG:89: *Xán*.
[1074] Os bois, o arado, a aguillada e mailo labrego. ANV1:103.
[1075] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:353.189.
[1076] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:353.189.
[1077] As vacas, o arado, a aguillada e mailo labrego. PM:353.
[1078] O labrego arando. Carb:119, APG:256.
[1079] Os bois co arado. PM:725.
[1080] Os bois co arado. PM:726.

12146 **arada** *s.f.* Porción de terra que pode arar nun día unha parella de bois. (ERG).

12147 **arapende** *s.m. arc.* Medida agraria que equivalía antigamente á metade da terra que podía arar nun día unha parella de bois. (ERG).

12148 **contraxeira** *s.f.* Ver TORNAXEIRA /12150. *Nos traballos de labranza gardáronse, deica os anos 60, vellos costumes comunitarios de colaboura, de 'xeira' e 'contraxeira'. A 'xeira' de axuda e a 'contraxeira' de devolución de axuda*. (Friei.:205).

12149 **maio** *s.m.* Cansazo que padecen os labregos e os animais de tiro durante os duros labores do mes de maio. (Ctel3).

12150 **tornaxeira** *s.f.* Xornada de traballo dun obreiro para o seu padrón, en compensación co que este fixera en beneficio do obrero. *Xeira* e *tornaxeira* constitúen unha especie de contrato de permuta entre un labrego e os que, nun determinado momento, traballan para el. Nicolás Tenorio explícao así: "*Tornaxeira* vale tanto como devolución de la *xeira* o del beneficio recibido por ella, y esta es la causa de que la idea que encierran los dos vocablos se pueda interpretar por trabajo hecho y trabajo devuelto. La *xeira* es, pues, el trabajo del labrador y su ganado en beneficio del obrero; la *tornaxeira* el de éste para el labrador como recompensa. Cada *xeira* del labrador se computa por cuatro jornales del obrero". (NT:29-30).

12151 **vesada 1** *s.f.* Herdade de labradío que mide o que dúas xugadas de bois poden arar nun día. Crespo Pozo escríbeo con be. Gud5. e PSerra danlle o significado xenérico de "finca de cultivo". O DRAE recolle *besana* co significado de: "1. Labor de surcos paralelos que se hace con el arado. 2. Primer surco que se abre en la tierra cuando se empieza a arar. 3. Medida agraria usada en Cataluña, que equivale a 2.187 centiáreas. 4. Porción de tierra labrantía". Mesmo así, a etimoloxía hoxe comunmente aceptada para *vesada* ou *besada* é o latín *versata*, "terra revolta polo arado" tamén, nalgún caso, chamado "vesadoiro". O DRAE dá a mesma etimoloxía para *besana*. (CP, ERG, Gud5, PSerra).

12152 **vesada 2** *s.f.* Acción de ara-los campos da aldea, axudándose uns veciños ós outros no *mes das vesadas* (maio). (Ctel1).

12153 **vezada** *s.f.* A nosa fonte defíneo como "trabajo que se hace de una vez. También se llama así la heredad a labradío". (JMP).

12154 **xeira** *s.f.* Traballo que unha parella de vacas facía nun día. Ver comentario a TORNAXEIRA /12150. *Unha 'xeira', de seu, consiste nun día de traballo (labor diaria, dirían os romanos) con xugada de bois ou vacas e máis o home que a guía coa súa aguillada en alto coma pau de mando* (Friei.:205). Para Pintos: "Tira de tierra de dos ferrados". (Friei., Hermi., JMP).

12155 **xeira de terra** *s.comp.f.* Extensión de terra que pode labrar nun día unha xugada de vacas. *De aquí vén a 'xeira de terra' que é unha mensura: o que de terra pode labrar a xugada co home, ou sexa, o día de arada* (Friei.:205). "En el lenguaje del campo, el vocablo gallego *xeira* expresa siempre la idea de medida, y se usa en dos sentidos distintos; uno con relación a la tierra, otro referente al trabajo que se necesita para hacerla producir. Una *xeira* de tierra es la extensión de ésta que pueden labrar en el día dos vacas uncidas a el arado con un hombre que las guías [sic]; una *xeira* de trabajo es el día de labor de la yunta y el gañán*"* (NT:29). (Friei., NT).

12156 **xeira de traballo** *s.comp.f.* Xornada de traballo realizada por unha xugada e o labrego que a conduce. Ver XEIRA DE TERRA /12155. (NT).

12157 **vesabén** *adx.* [Vaca] que traballa ben no carro ou no arado. Pero se *vesar* é arar, ¿non será un erro por *a vaca vesa ben*? (Arc2).

12158 **arar 1** *v.* Traballa-la terra abrindo sucos ou regos co arado. (Común).

12159 **charruar** *v.* Arar con máis de dous bois. Di Sarmiento que *charruar* é menos que *vesar* e que o *arado de charruar* non ten rodas. Martín Sarmiento recolle as formas *charruar* e *charruár*, e defíneo así: "Llaman hacia Pontevedra arar la tierra con un arado común pero con dos o tres pares de bueyes. Y se distingue del *besár* porque esto se hace con el *besadoiro*, que es arado ancho y grande, con tres estevas y tiene ruedas. En el *charruar* no hay ruedas; pero el origen viene del francés *charrue*" (FMS 408). Rivas Quintas di que *charrúa* é un arado de vertedeira, xa antigo, de madeira (ERQ2:50). (Pont2).

12160 **labrar 1** *v.* Traballa-la terra abrindo sucos ou regos co arado. (Común).

12161 **vesar** *v.* Arar co arado do veso ou vesadoiro. ERG especifica que así se abren sucos máis profundos. O DRAE fai vi-la voz *besana* (ver nota a VESADA 1 /12151) do latín *versare*, volver, darlle a volta a algo (neste caso, a terra). FMS escríbeo con be. (Com1, CP, ERG, FMS, Simes, Sob.).

12161b **andar ás dúas maus** *loc. v.* Ter [unha vaca] a característica positiva de dar traballado con eficacia tanto do lado dereito coma do lado esquerdo do tiro. - *As vacas teñen tamén a sua mau pa xunguir, unha a dereitas e outras*

esquerdas; menos a vaca do probe que esa anda as dúas maus (Carte5).

12162 **arar con dianteira** *loc. v.* Arar chamando a xugada pola corda, cando non está ben amansada e hai que chamala para que non saian tortos os sucos. (Parade.).

12163 **arar sen dianteira** *loc. v.* Arar sen chama-la xugada pola corda, porque está ben amansada e non é preciso guia-la xugada. (Parade.).

12164 **bota-la vesada** *loc. v.* Arar co vesadoiro. *A vesada de Fulano é mañán*. (Ctel1).

12166 **entra-lo maio** *loc. v.* Andar canso [un animal]. A loc. deriva de que o mes de maio é o mes de maior traballo para os bovinos. (VLQ).

12167 **labrar á descomao** *loc. v.* Labrar cunha vaca na xugada. (Piquín).

12168 **pór ó rego** *loc. v.* Facer que unha vaca camiñe na posición e dirección correcta cando tira polo arado. *Aquí o rego significa gávea ou suco que o arado deixa aberto na terra. Botando outra vez man á cultura material, entenderemos este dito. Cando o labrego apón a xugada no arado, e enfileira ó xeito debido, está xa pronta para comezar a labrar, eso sí, moi dereitiño, pois o primeiro rego ha de servir de guieiro para o seguinte; pois o un dos animais ha de camiñar por el, labrando outro novo parello ó primeiro. Este é o animal que vai 'posto no rego'. Así, pois, pónse ó rego unha persoa cando se encamiña na rectitude dos seus actos e mais do seu proceder en xeral, é dicir, facendo as cousas ben. Mais concretamente pode referi-lo xeito de aviarse para calquera traballo ou outro trafego que conveña*. (Forc4:34).

12169 **traballar á dreita e á xurda** *loc. v.* Ver ANDAR ÁS DÚAS MAUS /12161B. -*Comenencia non lle é ningunha, señor Fernando, pois pr'o traballo non lle sirve moito. -¿Traballar? Traballa a dreita y-a xurda; pro â dreita... ¡nai que me pareu!* (Mondo4b).

12170 **traballar a dúas mans** *loc. v.* Facer tódolos traballos posibles. Dise da vaca do pobre que ara, cría, dá leite e tira polo carro. (VLLM).

Non encontramos que a palabra *xugada* signifique a cantidade de terra que unha parella de bois pode arar nun día e, con todo, esa é a primeira acepción que en castelán ten a palabra *yugada.* Para ese concepto o galego dispón da palabra *xeira,* paralela da *jera* que se recolle en Estremadura, e das que se di que proceden do latín *diaria.* Curiosamente moi proxima é a palabra latina *iugerum* (plural *iugera*), equivalente a 28.800 pés cadrados romanos, é dicir, 2.518 m^2.

Ver tamén refráns sobre o momento de arar na epígrafe 12.2. *Prognósticos meteorolóxicos*

A boi bravo, rego largo. (Carb-L:219; Curro; XTC4; VS) [1081]
A boi bravo, rego lonco. (Salc2) [1082]
*A boi bravo, *surco largo.* (VS)
Boi bravo, rego largo. (UCA2:26; ZM:47; ERG:boi; XTC4; MVN:68; MVN2:70; PdM:7; VS) [1083]
Ó boi bravo, rego largo. (ERG:boi; VLLM:1,128)
A Dios rogando e co arado arando. (ERG:Dios)
A fouce na leira e o boi no monte. (XLRG:27) [1084]
A fouce, no prado; e o boi, no arado. (ERG:fouce, XLRG:28)
A muller na casa e o home na arada. (XMSH:186; XMSM:27) [1085]
A muller, que goberne a casa; e o home, a arada. (XMSM:27)

[1081] No texto: *regho* (Curro).

[1082] No texto: *regho*.

[1083] MVN2: *bói*.

[1084] A contraposición *leira - monte* invita a pensar no mes da sega: cando se está a segar, os bois non andan polo medio e casualmente é cando están no monte ou, en Asturias, nas brañas. Podíase pensar nunha simboloxía fouce-muller, boi-home pero non conseguimos que nola confirmase ninguén con experiencia de sega e de andar co gando. A explicación que nos dan é que "cada cousa no seu sitio": o sitio da fouce é a leira ou o prado (como di o refrán seguinte); e o do boi é o monte ou o arado. Pero non nos parece moi convincente que un refrán se pare a expresa-la distribución de "ferramentas" tan diversas (fouce – boi); parece que debería haber unha mensaxe máis intensa para acuñar un refrán. Léase o comentario seguinte.

[1085] Algunha vez tense aducido este refrán e as súas variantes como mostras do machismo, certamente frecuente no refraneiro: *A dona, na casa; o home, no traballo* (XMSH:102); *O home, na leira; a muller, na lareira* (XMSH:186); *O home, na praza; a muller, na casa* (XMSH:186). Pero á vista dos paralelos anteriores, aquí pode estarse falando non de machismo, senón do reparto de tipos de traballos no mundo rural tradicional, onde propias da muller eran actividades embrionariamente industriais, coma a téxtil e a láctea; mentres que outras coma a de canteiro, ferreiro, muiñeiro, mariñeiro ou soldado eran exclusivamente masculinas. Con todo iso, a cousa pode ir por outro camiño. Léase o comentario que facemos en 13.3.4.: onde na fundación das vilas romanas co arado a vaca ía polo lado interior e o boi ía polo lado exterior. A vaca por dentro, fecundidade; o boi por fóra, a defensa.

¿A onde has de ir, boi, que non ares? (VG:21.9.85; XAM2:17) [1086]
¡A onde irá o boi que non are, xa que arar sabe! (ERG:boi)
¿A onde irás, boi, que non aras, senón á cortadoría? (ERG:cortadoría)
A onde irás, boi, que non ares. (Corme1:505) [1087]
¿A onde irás, boi, que non ares, senón á cortadoría? (ERG:boi)
¿A onde irás, boi, que non labres? (Camb1:47/101; Castre.) [1088]
¿A onde vas, boi, que non ares? (Trazo) [1089]
¿Onde has de ir, boi, que non aras /ares, senón á cortaduría? (MRL; VS) [1090]
¿Onde irá o boi que non acamboe? (ERQ1:12) [1091]
¿Onde irás, boi, que non aras/ares, senón á cortaduría? (UCA2:34/51; VS) [1092]
¿Onde irás, boi, que non ares? (DRAG; PdM:15; XTC4; ERQ1:12; ZM:37; Lourei2; Antas4; SOBREI) [1093]
¡Onde irás, boi, que non ares! (Riba1:209; ZM:37)
¿Onde irás, boi, que non ares? -A Balsada e a Casares. (VS) [1094]
¿Onde irás, boi, que non ares? A Casares. (UCA2:51; JASA:345; JASA2:412; JASA3:225; VLLM:1,148; EAG:23; ZM:188; VS) [1095]
¿Onde irás, boi, que non ares? Á cortaduría. (JASA:320; JASA2:412; JASA3:226; VLLM:1,148; EAG:23; XLF3:67; VS) [1096]
¿Onde irás, boi, que non ares? Á macelleira. (VLLM:1,148) [1097]
¿Onde irás, boi, que non ares? Ó matadeiro. (Vald3) [1098]
¿Onde irás, boi, que non ares? -Ós Peares. (VS) [1099]
Onde irás, boi, que non ares, senón a cortaduría. (ZM:87; Baiona3) [1100]
¿Onde vas, boi, que non aras? (Muga2) [1101]
¿Onde vas, boi, que non ares? (XTC4; PRIVAS) [1102]

[1086] XAM2: *Aónde*. Remitímo-lo lector ó capítulo 11. *Espectáculos ou ritos con bois* (epígrafe 11.8.) no que reproducímo-la longa glosa que Sarmiento lle fai a este refrán tamén castelán: *A la pregunta que se hace, en Castellano: 'A donde irà el Buey, que no Arè'? Acompaña la respuesta: 'Al matadero'. Yo respondo: 'A Castilla'...* Véxase o tema "Resignación" no capítulo 13.1.

[1087] No texto: *donde*.

[1088] Camb1: *ladres* (sic), errata evidente na p. 101; na p. 47 repíteo coa forma correcta *labres* e námbolos dous casos sen interrogacións, como frase afirmativa; Castre. tamén o escribe así. A E. Espasa comenta *En todos los oficios y estados hay trabajos que sufrir.*

[1089] Dise a quen non quere traballar.

[1090] VS: *d'ir... ares*.

[1091] ERQ: *ónde*, sen signos de interrogación. Rivas Quintas explica que *acamboar* é *dar encuarte, tirar del encuarte una yunta supletoria*.

[1092] UCA: *boy*, *â cortaduría*. Realmente UCA2 cita este refrán en dúas ocasións: no 14.4.1908 di *Donde* e sen interrogantes; no 20.8.1908 di *Ónde* e con interrogante. VS ofrece tamén a var. *Donde.*

[1093] No texto: *Ónde* (XTC4); *Ónde*, sen signos de interrogación (ERQ1); *Ónde* (ZM); *donde, iras, boy* (SOBREI). Antas4, Lourei2 e SOBREI tamén o recollen sen interrogantes. *Xa miña nai m'o dicía: / ¿Onde has d'ir, boi, que non ares, / senón á cortaduría?* (Curros Enríquez, *O Divino Sainete*, 2ª edic.).

[1094] No texto: *i-a Casares.* VS explica que son *pueblos de Quiroga muy accidentados, en los que no pueden arar los bueyes*. Non sabemos se no tempo de Vázquez Saco (†1962) había en Quiroga dous lugares denominados Casares e Balsada: hoxe o Casares máis próximo a Quiroga é do concello estremeiro de Monforte; e A Balsada, da Cañiza. Véxase un pouco máis en diante a nota a *¿Onde vas, boi, que non ares? A Casares.*

[1095] No texto: *voy* (sic) (UCA2); *ónde* (ZM); EAG sen interrogacións; JASA sen abrir interrogación. Llópiz explica que Casares é un lugar da prov. de Ourense que precisamente carece de terra arable; recólleo de Gabriel Mª Vergara *(Diccionario de cant. y refranes*).

[1096] No texto: *a la cortaduría* (EAG); *â* (VLLM); JASA, EAG e XLF3 non abren interrogación. Llópiz encóntrao en Saco y Arce e en Carré Aldao. Realmente a edición que nós manexamos (*Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos recogidos por: D. Juan Antonio Saco y Arce. Edición y Estudio Preliminar de Juan Luis Saco Cid*. Diputación Provincial de Ourense 1987) é unha recuperación de materiais que viran a luz parcialmente na revista *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, e na p. 320 di: *A Cortaduría*. Xaquín Lorenzo considérao equivalente ó castelán *Habló el buey y dijo mú!*. VS comenta que *En todos los estados y oficios ha de haber que sufrir*, e ofrece estas equivalencias: P.: *Aonde irá o boi que não lavre, pois que sabe.* (Chaves); E.: *¿Dónde irá el buey que no are?* (Correas), *¿A dó irá el buey que no are? A la carnicería*. (Correas); C.: *Aon anirà el bou que no llaure?* (Alberola).

[1097] Llópiz explica que *macelleira* é palabra galega arcaica por macelo ou matadoiro.

[1098] No texto: *O matadeiro*.

[1099] VS recólleo en Chantada.

[1100] No texto: *Donde*, sen signos de interrogación (ZM).

[1101] Non se pode escapar á sorte de un.

[1102] XTC4. No texto: *ónde* (XTC4); XTC4: sen signos de interrogación; PRIVAS: entre admiracións.

¿Onde vas, boi, que non ares? A Casares (XTC4) [1103]
Onde vas, boi, que non ares, senón á cortadoría. (LT1)
¿Pra onde irás, boi, que non ares? (XTC4; VS) [1104]
¿Pra onde vas, boi, que non ares? Pra a cortaduría. (Mel2:466; VS) [1105]
Á parella que ben ara, nunca falta quen a tanxa. (VLLM:1,130) [1106]
A porca de maio ou no principio ou no cabo, e han para-los bois quince días antes ou despois. (Carte.) [1107]
A quen co demo anda, o boi se lle esmanca. (VS)
A vaca do probe anda a tódalas maus. (VS) [1108]
A vaca do pobre ara a tódalas maus. (VS) [1109]
A vaca do pobre ten que andar ás dúas maus. (VS)
A vaca do pobre ten que traballar ás dúas maus. (VS)
A vaca do pobre traballa a dúas mans. (VLLM:1,132) [1110]
Vaca de probe anda a tódalas maus. (VS) [1111]
Vaca de probe ten que andar a tódalas maus. (VS)
A vaca do veciño no mes de maio bota o millo, inda qu'a auga corra tras do arado. (VS4) [1112]
Á vaca vella aguzarlle a rella. (VLLM:1,132) [1113]
Á vaca vella aliviarlle a rella. (VLLM:1,132) [1114]
A vaca vella turra do arado, a xuvenca deprende ó seu cabo. (VLLM:1,132) [1115]
Axunto da vaca vella deprende a ara-la xovenca. (VLLM:1,132) [1116]
Axunto do boi vello afeizóase o xuvenco. (VLLM:1,132) [1117]
Axunto do boi vello deprende a ara-lo xuvenco. (VLLM:1,133) [1118]
Cabe do boi vello deprende a turrar o xuvenco. (VLLM:1,133)
O boi vello puxa do arado e o novo deprende ó seu cabo. (VLLM:1,147) [1119]
Acabada a labor, bois ó gandarón. (VLLM:1,142) [1120]
Laboura acabada, bois á branda. (VLLM:1,142) [1121]
Laboura feita, bois ó monte. (VLLM:1,142) [1122]

[1103] XTC4: sen signos de interrogación. Explica que este Casares é lugar de Montefurado, *terra pobre*. Supoñemos que Taboada se referiría ós Casares da Encomenda (A Pobra de Trives) ou de Peites (Ribas de Sil) moi próximos a Montefurado pero o problema é que eses topónimos levan o artigo en plural (*Os Casares).* Para dicir *Casares*, sen artigo, como di o refrán tería que referirse ó Casares de Belmil (Santiso, provincia da Coruña), ós que con ese nome hai na provincia de Lugo nos concellos de Becerreá, Carballedo, Monforte, As Nogais, Samos ou Sober ou, finalmente ós que hai nos concellos ourensáns de Carballeda de Avia, O Carballiño e no Irixo. Ver atrás nota a *¿Onde vas, boi, que non ares? A Balsada e a Casares*.

[1104] VS: *Pr'ónde*. XTC4: *pr'onde iras*.

[1105] Mel2: *Pr'onde*, *pr'a*. A forma en que o reproducimos trata de respectar, coma en todo o traballo, un equilibrio entre a lexítima variante dialectal e a forma estándar de representación gráfica da lingua. VS: *Prá cortaduría.*

[1106] Llópiz recólleo de V. Valerio (Ínsua, Mera, Ortigueira) e explica que *tanxer* é tocar, *templar los bueyes con el pértigo*.

[1107] En maio ten que haber quince días de mal tempo, a esta quincena é ó que chaman *porca de maio*.

[1108] VS: *and'a*.

[1109] VS: *A vaca du pobre ara a todas as maus*.

[1110] Llópiz recólleo de V. Risco *(Colección de ref...* Orense 1953); explica que *traballar a dúas mans* quere dicir que ara, cría, dá leite e tira polo carro sen descansar nada. A explicación que nos dan outros labregos é distinta: unha vaca afaise a andar só por unha man, pola esquerda ou pola dereita, poida que pola man na que a xunguiron a primeira vez; o rico, que ten moitas vacas, ten vacas que andan pola esquerda e vacas que andan pola dereita. Pero a vaca do pobre ten que andar polas dúas, pola que faga falta, sen poder manifesta-la súa preferencia.

[1111] VS: *todal-as maus*.

[1112] VS4 di que o recolle de Antonio Trigo García (Carballo).

[1113] Llópiz cita a *Biblioteca de Tradiciones Populares Españolas* X; recomenda este refrán afia-la rella do arado para aforrarlle esforzo a unha vaca vella.

[1114] Llópiz recólleo de M. Martínez (1870).

[1115] Llópiz recólleo en Serantellos de M. Grandal.

[1116] Llópiz recólleo en Rendar de M. González.

[1117] Llópiz di que se refire a arar e a tirar polo carro; recólleo de A. Abizanda.

[1118] Llópiz recólleo en Canedo (Monforte) de J. Piñeiro.


[1119] Llópiz recólleo en Rendar (O Incio) de M. González.

[1120] Llópiz explica que *gandarón* é monte con vexetación pobre ou devesa con monte sen moita costa.

[1121] Llópiz: *á*; explica que *branda* é en Vilaodriz e na Trabada un monte con espesura baixa.

[1122] Llópiz recólleo de M. Valladares na rev. *Galicia* de 1867, pero na colección de refráns que deste mesmo autor consultamos na revista *A Monteira* aparece como *Labra feita*...

Labra feita, bois ó monte. (MVN:335; MVN2:94; UCA2:44; ERG:labra; VLLM:1,142; ZM:125; EAG:18; PdM:13; XLFG; VS) [1123]



Laboura feita, bois ó monte (SIRO).

Ao boi déixalle mexar e fartarase de arar. (VLLM:1,128) [1124]
Deixa o boi mexar e fártao de arar. (ERG:boi)
Ó boi deixalo mexar e fartalo de arar. (ERG:boi) [1125]
Ao boi vello asáñao o rego. (VLLM:1,129) [1126]
Ao solpor esforrica/cágase o boi na teiró. (VLLM:1,130) [1127]
Ara, ara, hastra que os bois digan "¡Para!". (VLLM:1,130) [1128]
Ara ben e fondo, e collerás pan abondo. (MC:87)
Ara fondo e terás gran. (EAG:9) [1129]
Arar fondo e sementar á cima, botar ben esterco e auga por riba. (Carb-L:307; VS) [1130]

[1123] UCA2, PdM, XLFG: *ao monte*. MVN2: *bóis*. ZM: *boi ao monte*. EAG e MVN: *ò monte*. Valladares recolle tamén a variante *Obra fèita, obrèiros â m...*

[1124] Llópiz di que o recolle de Saco y Arce. Cita outro semellante de *La correspondencia gall.* de Pontevedra pero co pronome mal colocado (*se fartará*).

[1125] Na E. Espasa dáse para o equivalente refrán castelán un segundo uso metafórico: *hay que conceder el descanso necesario a quien hace algún trabajo para que no sucumba al peso de este.*

[1126] Llópiz: *lle asaña*. Corriximos por ser un dos erros frecuentes de Llópiz na colocación de pronomes átonos e nas formas que en cast. son reflexivas. Explica que *asañar* é *ponerse de mal humor, enojarse*; recólleo de Rof Codina (*Zootecnia veterinaria* do Instituto Pecuario de Lugo).

[1127] Llópiz recólleo de Pérez Seoane, de Ribas de Sil (*Nós*). Explica que *teiró*, *ateiró*, *tieira* e *ateiroa* é a tixeira do arado, peza que une a rella coa rabela; e engade tamén que o refrán alude a que ó solpor a xugada vai tan cansa que tira pouco polo arado e que este queda entre as dúas reses de xeito que a *teiró* bate nas ancas dos dous animais.

[1128] Llópiz recólleo de J. Vidal Lois (Lugo 1935).

[1129] *Igual pensamiento en el refrán castellano: 'Ara bien y hondo, cocerás pan en abondo'. Es decir: la tierra bien labrada produce frutos con abundancia.*

[1130] VS: *sembrar, y-auga / i-a auga, por arriba*.

Ata curto, esterca a modo, ara xusto e fondo, e collerás pan dabondo. (ERG:pan) [1131]
Decrúa en maio, bima en San Xoán, esterca ben e collerás bo pan. (Mez.; Gud5:100; NT:28) [1132]
Labra ben e fondo, se ques coller pan abondo. (ANV1:77; ANV4:17; MVN2:103; UCA:38.18; UCA2:44; ZM:125) [1133]
Labra fondo, esterca mollado, e terás pan para todo o ano. (RCI:104) [1134]
Poda curto e ara fondo, terás pan e viño abondo. (ZM:200)
Poda curto e ara fondo, terás viño e pan dabondo. (XTC4; VIÑO:53; XLF2:58) [1135]
Ara, boi, e collerás millo. (VLLM:1,130) [1136]
Ara con boi vello, que non che perderá o rego. (VLLM:1,130) [1137]
Ara o boi pra que outros [bois] coman. (VLLM:1,130) [1138]
Boi galego, que decrúa o monte pra o proveito alleo. (VLLM:1,134)
Arado rabudo i o labrador barbudo. (XTC4) [1139]
O arado rabudo e o labrador barbudo. (XMSH:116; MVN2:103; ANV1:77; ANV4:17; UCA:38.18; UCA2:44 e 49; ZM:162) [1140]
"Aramos", dixo a mosca ó boi. (ERG:mosca)
"Aramos", dixo a mosca, e estaba no corno do boi. (VG)
Aran as vacas e tiran os bois. (VS)
Bois, pra arar, e mulas pra acarrexar. (SCD:15) [1141]
Arando é que se ve o bon boi. (VLLM:1,145) [1142]
No arado vese o bon boi. (VLLM:1,145) [1143]
Pra coñecer os bois hai que arar con eles. (VS) [1144]
Are o meu boi no folgado e o teu polo alabado. (VS) [1145]
Are o meu boi polo folgado e o teu polo gabado. (ERG:boi) [1146]
Are quen arou, que maio xa pasou. (XTC4)
Are quen arou, que xa maio entrou. (NevesC)
Auga en maio detrás do arado. (NevesC)
Boi feito fai o barbeito co suco dereito. (ERG:boi)
Boi feito, boa embelga de rego dreito. (VLLM:1,136)
Boi testo, boa embelga de rego dreito. (VLLM:1,136)
Boi fermoso non é pró traballo. (ERG:boi) [1147]

[1131] En moitos lugares denomínase *pan* maiormente ó centeo, por se-lo cereal con que se elabora este produto, aínda que tamén se di do millo e do trigo.

[1132] No texto: *decrua, vima, Xoan, bon* (Mez.); *decrua, Mayo, bina, Juan, coieras, boo* (NT). Bimar é facer unha segunda sacha ós cereais.

[1133] No texto: *si quês, d'abondo* (ANV); *bén, qués* (MVN2); *á fondo, quês* (UCA:38); *ben o fondo* (sic), *quês* (UCA2); *ben a fondo, queres* (ZM). Noriega e Carré continúan, nos dous casos, con *o arado rabudo e o labrador barbudo*, como se fose un mesmo refrán. Nós dividímolo en dous. Carré, ademais, dá como variante: *se quês ter pan abondo*.

[1134] De cre-lo que nos di o refraneiro, abonda cunha boa cavadura e unha boa man de esterco para asegura-la colleita: *Cava fondo e mete basura e rite dos libros de agricultura* (XTC4).

[1135] No texto: *de abondo* (VIÑO); *e terás* (XLF2).

[1136] Llópiz di que é prov. ant. que xa figura na colección de Pedro Vallés.

[1137] Llópiz recólleo de M. Martínez (*Temas del labrador*, 1886).

[1138] Recolle en S. Félix de Donís (Ancares) este refrán, que é unha pervivencia do verso virxiliano: *Sic vos non vobis fertis aratra, boves*. Ve-lo comentario a *Boi galego...* no capítulo 13. *Todo é coma unha vaca.*

[1139] Ver nota a rodapé a *Boi, galludo; e boieiro, peludo*, no capítulo 2. *Exterior* (2.3.10.4.5. *Vacas cos cornos grandes e abertos*).

[1140] Tanto Valladares como Noriega transcríbeno a seguir, como se fose un único refrán, de *Labra ben e fondo, si ques coller pan (de) abondo*. Carré faino así tamén no refraneiro que publica en *Nós* e no nº 44 d'*A Nosa Terra*, pero sepárao no nº 49.

[1141] Cada cousa debe utilizarse para o que é.

[1142] Llópiz recólleo de L. Páramo.

[1143] Llópiz: *se ve* por *vese*; recólleo de J. Zaera en Sarria.

[1144] VS: *conocer*.

[1145] Saco dá estes equivalentes: P.: *Lavra o meu boi por folgado, e o teu por afamado* (Chaves); E.: *Are mi buey por lo holgado y el tuyo por lo alabado* (R.Marín).

[1146] Afirma este refrán que a terra repousada dá máis froito que a que se sementa tódolos anos, aínda que sexa de máis calidade.

[1147] Gonzalo Correas explica este refrán dicindo que *también llaman buey hermoso al hombre de buena presencia, pero flojo, sin obras*.

Boi fraco con ósos labra. (VG:5.07.86) [1148]
Boi vello, labra cos ósos. (VLLM:1,136) [1149]
Boi grande, are ou non are. (VLLM:1,134) [1150]
O boi, grande, are ou non are. (ERG:boi)
Boi que non val pra o carro, val pra o arado. (VLLM:1,135) [1151]
Mal pra o carro, pior pra o arado. (VLLM:1,143) [1152]
Si mal vai o boi no carro, pior irá no arado. (VLLM:1,153)
Boi vello, de seu leva o rego. (XLF2:23; ZM:47; *VLLM:1,136; VS)* [1153]
Boi vello non olla o rego. (VLLM:1,136) [1154]
Boi vello polo uso ara. (VLLM:1,136; XTC4) [1155]
O boi vello de seu leva o rego. (ERG:boi)
O boi vello polo uso labra. (PRIVAS) [1156]
Boi vello, rego dereito. (VS; VLLM:1,136) [1157]
Boi vello, suco dereito. (UCA2:39; VLLM:1,136; SCD:16; VS) [1158]
El boi vello, si nun ara, guarda el rego. (XBG:481)
O boi, cando vai vello, máis dreito leva o rego. (VLLM:1,136) [1159]
O boi, cando vai vello, millor tira o rego. (VLLM:1,146) [1160]
O boi, cando vello, millor leva o rego. (VLLM:1,146)
O boi, canto máis vello, millor leva o rego. (VLLM:1,136) [1161]
O boi vello leva o suco ó dereito. (ERG:boi)
Bois novos, rego/sulco torto. (VLLM:1,150) [1162]
Parella nova, embelga torta. (VLLM:1,150) [1163]
Bois vellos con canga nova, embelga torta. (VLLM:1,135) [1164]
Bois vellos con xugo novo, rego torto. (VLLM:1,135) [1165]
Parella vella con canga nova, embelga torta; e si nova a parella, nin torta nin dereita. (VLLM:1,151) [1166]
Parella vella con canga nova, embelga torta; e, se nova, nin dreita nin torta. (VLLM:1,151) [1167]
Parella vella con xugo novo, tira o rego torto e parella nova con xugo vello, nin torto nin dereito. (VLLM:1,151) [1168]

[1148] Aínda que a fraquén é unha característica negativa, o refrán alude a que o esforzo dos débiles e a resistencia no traballo suplen as súas deficiencias, sacando forzas de fraqueza; maiormente cando a alternativa é o matadoiro.

[1149] Llópiz di que o recolle de E. Carré (*A Nosa Terra* 1908), pero no *Refranero gallego* que Carré publica n'*A Nosa Terra* (12.01 ó 20.08.1908) non o atopamos. O máis parecido sería *Boi vello, suco dereito*, que tamén recolle Llópiz.

[1150] Recólleo de A. Valenzuela en *Pontevedra agrícola*; engade que en sentido figurado cadra co cast. *Burro grande, ande o no ande*.

[1151] Llópiz: *pra*-o. Recólleo de A.González, sacerdote de San Cristovo de Martín (Lugo).

[1152] Llópiz: *prao*; recólleo de Saco y Arce. Compárao con aqueloutro que di *Boi que non val pra o carro, val pra o arado* e di que o de Saco está máis en razón, porque o arado quere bois corpulentos e animosos.

[1153] Llópiz recólleo de Leiras Pulpeiro (*B.R.A.G.*, VII).

[1154] Llópiz explica que é unha hipérbole dos refs. similares da mesma serie, figurando que xa non precisa mirar para o rego anterior para leva-lo arado paralelo; recólleo en Riocaldo (Ourense).

[1155] No texto: *pol-o* (VLLM), *pol'o* (XTC4). Llópiz recólleo de Noriega Varela (*Sabiduría popular*, 1935).

[1156] A sabiduría pola experiencia. No orixinal entre admiracións.

[1157] No texto: *direito* (VS), *dreito* (VLLM). Llópiz di que o recolle de E. Carré *(A Nosa Terra*), pero o que nós atopamos di *Boi vello, suco dereito*.

[1158] Llópiz recólleo de E. Carré (*A Nosa Terra*). É o contrario de *Bois novos, rego torto* e *Parella nova, envelga torta*. A un refrán castelán semellante comenta a E. Espasa: *explica cuan ventajosa es la experiencia, principalmente en el terreno de la práctica*. SCD: *surco direito*. VS ofrece as seguintes equivalencias. P.: *Boi velho, rego direito* (Chaves); E.: *Buey viejo lleva surco derecho* (Correas), *Buey viejo, surco derecho* (Correas); C.: *El bou vell fa el solc dret* (Alberola).

[1159] Llópiz recólleo da Cámara Oficial Agrícola da Coruña (1945).

[1160] Llópiz explica que *tira-lo rego* é trazalo dereito ó arar; recólleo na Estación pecuaria de Fingoio.

[1161] Recólleo de A. Pereira Ríos na Granxa de Cerceda (Coruña).

[1162] Llópiz *sulco* (sic); di que se contrapón a *Boi vello, suco dereito*.

[1163] Recólleo en Arbo.

[1164] Llópiz: *envelga*; explica que *envelga* é o rego que se vai abrindo co arado paralelo ó rego anterior.

[1165] Llópiz recólleo dos *Romances* de E. Sarmiento (Lugo 1905).

[1166] VLLM: *envelga*; recólleo de E. Núñez Sarmiento. Nótese o quiasmo *Parella vella... nova a parella*.

[1167] Llópiz: *envelga*; explica que o refrán aconsella non lle andar trocando o xugo ós bois que xa están afeitos a un: os bois vellos aínda se axeitarán pero unha parella nova non (por iso di que non fará rego dereito nin torto). Recólleo en Lugo (1905).

[1168] Llópiz recólleo do párroco de San Cristovo de Martín (Lugo), A. González.

Cando o boi queira mexar, para o traballo e dálle vagar. (VLLM:1,137) [1169]
Cos bois doutro calquera ara. (VS) [1170]
Da barriga puxa o boi. (VLLM:1,139) [1171]
Donde non hai vacas aran os bois, e despois, solta-las vacas e xunxir os bois. (VS)
Dispois aran os bois. (MC:89) [1172]
¿E despois...? -Onde non hai vacas, tamén aran os bois. (VS) [1173]
¡Ei, charelos das Chas, vendedes os bois e arades cos cas! (ERQ1:65) [1174]
Os de Correás venden os bois e aran cos cas. (TCha:81) [1175]
Os de Garabás venden as vacas i aran cos cas. (VS) [1176]
Os de Marzás venden os bois e aran cos cas. (XTC4) [1177]
Os de Tamaguelos matan os bois e aran cos cadelos. (XTC4) [1178]
En maio bebe o boi detrás do arado, e se non bebe, malo. (Camb1:54; Castre.; NevesC) [1179]
En maio colle os bois e mais o arado. (VS)
En Vimianzo colle os bois e traballa co arado. (VS)
Eu ben sei con que bois aro. (MC:90)
Eu ben sei con que bois aro, e por eso vou con tento. (ERG:arar)
Eu ben sei cos bois que aro. (MC:90)
Mentras ande na eira o xugo, que ande na casa o fuso. (XSL:38; GILB:120)
Mentras ande na leira o xugo, que ande na casa o fuso. (XMSH:151; ERG:andar; XLF3:63)
Miña marela gallarda, ara, carreta e non cansa. (VLLM:1,144)
Miña vaquiña gallarda, ara, carreta e non cansa. (VLLM:1,144) [1180]
Namentras o boi traballa, a vaca no campo apasta. (ERG:boi)
Nin bo cazador nin bo pescador foi bo arador. (XTC4) [1181]
No arado faise o boi. (VLLM:1,145)
Non áte-la boca ó boi que traballa. (ERG:boca) [1182]
Non lle ates a boca ó boi que anda arando. (ERG:boi)
Non hai terra tan brava que resista o arado, nin home tan manso que queira ser mandado. (XTC4)
Ó boi adoito, térmalle a teiró que che ara solo. (VLLM:1,128) [1183]
Ó boi, cando ara, non lle olles prá cara. (VLLM:1,128) [1184]
Ó boi que ara, non lle míre-la cara. (ERG:boi) [1185]

1169 Llópiz: *quera*; di que é da fala de Cadones (sic) en Bande.

1170 No texto: *d'outro.*

1171 Llópiz explica que a forza do gando bovino radica na testa pero para que esta forza sexa completa cómpre unha boa alimentación; recólleo de P. Dopico, gandeiro de Arteixo.

1172 No texto: *dispóis*.

1173 VS recolle as formas *en donde non hai* e *onde non*.

1174 *Charelo*: denominación despectiva que os naturais de Medeiros dan ós das Chas e A Granxa, dous lugares de Medeiros -di ERQ-. Supoñemos que este Medeiros é a parroquia do concello de Monterrei. Notable aliteración do ese. ERQ reprodúceo sen signos de exclamación.

1175 Este refrán cita un lugar da zona do plural en *-ás* collido para rimar con *cas* (Correás é lugar da parroquia de Fraialde en Pol, Lugo) e, pola mesma, podíase aplicar ós de Correáns, lugar de Vinseiro (A Estrada, Pontevedra) rimando con *cans*. Lembra a broma que os de Medeiros lle gastan ós das Chas e da Granxa berrándolles da outra banda do río Búbal: *Ei, charelos das Chas, vendedes os bois e arades cos cas*.

1176 VS: *i-aran* (no ms. *y'aran*).

1177 Este e mailo refrán seguinte fan alusión á tacañeira dos habitantes dos lugares veciños. Proceden de Baños de Molgas a onde pertencen os dous lugares, e foron proporcionados por D. Higinio Fernández Novoa, párroco de Vilamaior. No texto: *cás*.

1178 No texto: *cós*.

1179 NevesC: *senón*.

1180 Llópiz recolle este e mailo anterior da *Monografía de La Capela* de A. Abelaira, explica: *La vaquillona gall. que usan los pobres a todo cuento, es una res chiquitilla y de desproporcionada cornamenta abierta hacia los lados (gallarda)*.

1181 No texto: *bó*.

1182 ERG: *átela*. Na E. Espasa (s.v. *buey*) coméntase que quen traballa ten dereito ou necesidade de alimentarse máis ca quen folga.

1183 Llópiz: *ch'ara*; recólleo en Verín en 1946, e explica que *termarlle a teiró* é agarrar con forza na rabela do arado para que finque ben a rella.

1184 Llópiz: *Ao*; recolleuno de A. Abelaira.

1185 ERG: *mírela*.

Ó boi que ara, non lle mires prá cara. (VLLM:1,128) [1186]

O boi da arada e o home da cavada aproveitan a noite clara. (RCI:111)

O boi do pobre máis traballa do que come. (VLLM:1,157) [1187]

O boi do pobre: o máis traballado e o que pior come. (VLLM:1,146) [1188]

O boi máis vello panda por ser mal labrada a horta. (VLLM:1,146) [1189]

O boi, pra arar; o paxaro, pra voar; o peixe, pra nadar; e o home, pra traballar. (XMSH:71; ERG:boi; CGP:30; ZM:163) [1190]

O boi, pra que are; o home, pra que traballe; e a muller, pra que garde. (XMSH:177; ERG:boi; XSL:39) [1191]

O boi que non ara, na cortadoría para. (ERG:boi; UCA:36.18; ZM:163) [1192]

O boi termente atura a semente. (VLLM:1,147) [1193]

O boi turra do arado, mais non é do seu agrado. (ERG:boi) [1194]

Puxa o boi polo arado, mal do seu grado. (ERG:boi; ANV1:95; XTC4; ZM:206; VS) [1195]

Turra o boi polo arado, mal do seu grado. (IBA; IF:25; ZM:240; VS) [1196]

O boi vello a gatuñeira tira dos regos. (VLLM:1,147) [1197]

O boi vello a uña gata escoalla do rego. (VLLM:1,147)

O boi vello afonda o arado e arrinca as raíces do prado. (ERG:boi)

O monte, pra dar bo pan, ten que ser ben cavado, mal queimado e ben arado. (Carte.) [1198]

O que bois ten, ara cando quer. (VLLM:1,148) [1199]

Quen bois ten, ara cando quer. (VLLM:1,148)

O que come papas e ara con vacas, non pode saír do pé das casas. (VS) [1200]

Almorzar de papas e traballar cas vacas, non se alonxar das casas. (VS)

Almorzo de papas, arado de vacas, labor de mulleres, todo por menesteres. (VS)

O que almorza con papas e ara con vacas, que non vaia pra moi lonxe das casas. (VS) [1201]

O que na estrada semea, perde o grao e os bois ampea. (VLLM:1,148) [1202]

O que semea no camiño, ampea os bois e perde o millo. (VLLM:1,149) [1203]

[1186] Llópiz: *Ao, prá-a*; explícao así: *Porque, si se le mira, suele inquietarse y tira mal del arado y además porque el estímulo, a* (sic) *de venir desde atrás al buey que tira afanoso hacia adelante*. Recolleuno de P. Franqueiro en Monforte.

[1187] Llópiz recólleo de V. Risco (*Notas para...*, Ourense 1954).

[1188] Llópiz recólleo de J. M. Agromayor; cita o port. *O boi do pobre, moito trabalho e moita fome*.

[1189] Llópiz: *órta*; recólleo de J.M. Eiriz en Rozabales (Monforte).

[1190] CGP: *para*.

[1191] ERG: *i a muller*.

[1192] No texto: *cortaduría* (UCA e ZM). UCA2 dá outra versión que carece de rima: *O boi que non ara, para na cortaduría* (6.8.1908).

[1193] Llópiz explica que o boi de gran resistencia (*termente*) atura a sementeira (*semente*) de principio a fin. Na E. Espasa hai un refrán semellante: *Buey teniente, dura la simiente*, e explica que *para que dure el trabajo, ha de ser moderado*.

[1194] ERG: *máis*.

[1195] No texto: *pol-o arado, de seu grado* (ANV1); *pol'o arado, de seu grado* (XTC4); *de seu grado* (VS). Noriega engade unha correspondencia latina: *Laborem nemo libenter suscipit* (ninguén afronta un traballo de boa gana). Saco ofrece estes equivalentes: P.: *O boi pega* (ou *trava*) *no arado, mas não por seu grado* (Chaves); E.: *El buey traba el arado, mal de su grado* (Sbarbi).

[1196] Corresponde co cast.: *A la fuerza ahorcan*. Saco comenta: *Siempre los trabajos encuentran alguna repugnancia, particularmente en los perezosos*, e ofrece tamén estoutra equivalencia: *El buey traba el arado, mas no de su grado* (Sbarbi).

[1197] A *uña gata*, tamén chamada *uña de gato, uñagata, uñaghatos* e *gatuña* (*Ononis repens* ou *Ononis spinosa*) é unha leguminosa rastreira, frecuente en terras de labor, con raíces que profundizan moito e que se ramifican rapidamente polo subsolo, absorbendo os elementos que precisan as plantas sementadas e prexudicando así a sementeira; esas raíces son moi resistentes e dificultan o traballo do arado, que precisa bois fortes capaces de arrincala (*tirar dos regos, escoallar)* e hábiles, e como esta habilidade cóllese co tempo, este traballo fano ben os bois vellos nada máis. De aí o nome que a nós nos interesa: *detenbois* (e os paralelos *resta-boi*, *rilha-boi* en port.; *afrontallauradors* en cat.; *galdarrona* –ergue arados- en vasco; *quiebrarados*, *detienebuey* en cast. [FQ:363-365]). Llópiz recólleo da páxina agrícola de *El Progreso* de Lugo (s.d.). A E. Espasa comenta o equivalente refrán castelán da seguinte maneira: *Aconseja no despreciar sistemáticamente las cosas antiguas, que á veces son mejores que las modernas.*

[1198] Cando se cava unha bouza para botar centeo, debe cavarse moi ben e logo queima-los restos -*borreas*- só a medias xa que onde queda o torrón a medio queimar dará bo pan; logo haberá que aralo todo moi ben. Recollido de Manuel González González (Trasar, Carballedo, Lugo, 1932).

[1199] Llópiz recólleo de *Pontes de España*.

[1200] VS: *salir*.

[1201] VS: *y-ara, vaya*.

[1202] Llópiz explica que *ampea-los bois* ten aquí o sentido transitivo de fatigalos excesivamente; recólleo de A. Valenzuela Ozores.

[1203] Llópiz dá esta var. na que volve aparece-lo verbo *ampear* como transitivo. Recólleo en Serantellos, ó pé de Ferrol, de Evaristo Mayobre.

O que sementa no camiño cansa os bois e perde o trigo. (Camb1:53; Castre.)
Quen sementa no camiño cansa os bois e perde o trigo. (XLF2:62; XLF3:63; ERG:camiño/sementar; ANV1:101; XTC4; PdM:18; ZM:213; VS) [1204]
O que non ten boi nin cabra, toda a noite ara. (VS)
O que non ten boi nin cabra, toda a noite labra. (VS)
Quen non ten boi nin cabra, toda a noite labra. (ANV1:104; XTC4; ZM:212; VS) [1205]
O que non ten boi nin vaca, toda a noite ara. (ERG:boi; VS) [1206]
O que non ten bois, antes ou despois. (XTC4) [1207]
O que non ten bois, ou antes ou despois. (Grou; RCl:117)
O que non ten bois, ten que arar antes ou despois. (VS) [1208]
O que non ten vacas nin bois, ou antes ou despois. (SCD:66, VS4) [1209]
Quen non ten bois, antes ou dispois. (VLLM:1,152) [1210]
Quen non ten bois, labra primeiro ou labra despois. (VLLM:1,152) [1211]
Quen non ten bois nin vacas, durmindo ara e, ao acordar, non arou nada. (VLLM:1,152) [1212]
Quen non ten bois, ou antes ou despois. (XTC4)
Quen non ten bois, ou ara/labra antes ou ara dempois. (VLLM:1,152)
Quen non ten nin boi nin vaca, durmindo ara. (VLLM:1,152) [1213]
Quen non ten nin bois nin vacas, entre sonos ara e, cando disperta, herbas ten na leira. (VLLM:1,152) [1214]
Quen non ten vacas nin bois, ou antes ou despois. (XTC4)
Paifoco de bos rellos para parella de bois vellos. (VLLM:1,150) [1215]
Pegada tras pegada vai o boi facendo a ara. (VLLM:1,151) [1216]

[1204] XLF3 comenta que o refrán está inspirado na parábola dos Evanxeos na que se fala da sementeira do grau (S. Mateo XIII,3 ss.). No texto: *cansa ós bois* (ERG); *cans'os, perd'o trigo* (XTC4); *cans'aos, perd'o* (PdM); *aos bois* (ZM). Saco ofrece os seguintes equivalentes: P.: *Quem semeia em caminho, cansa os bois e perde o trigo* (Chaves); E.: *Quien siembra en el camino, cansa los bueyes y pierde el trigo* (R.Marín).

[1205] No texto: *tod'a* (ANV1 e XTC); *"toda a noite, labra"* (ZM). Poida que *cabra* sexa un erro por *vaca*, pero lembremos aqueloutro rf. de Llópiz: *O que non teña pra unha vaca, merque unha cabra* (VLLM:1,149), no que cita o francés *La chèvre est la vache des pauvres.* A E. Espasa comenta: *el que es demasiado pobre siempre está con desvelo y afán de ganarse la vida.*

[1206] ERG: *tèn*. VS comenta que *Destaca el desvelo y preocupación que produce el no tener los medios necesarios para lograr un fin*, e ofrece as sequintes equivalencias: P.: *Quen não tem boi nem vaca, toda a noite ara* (Chaves); E.: *Quien no tiene buey ni vaca, toda la noche ara; y a la mañana no tiene nada* (H. Núñez), *El que no tiene buey ni cabra, toda la noche ara* (Sbarbi).

[1207] Porque, di Taboada Chivite, ten que facer a laboura non cando quere senón cando alguén llo empreste, é dicir, que quen depende doutro tense que se axeitar ás comenencias alleas.

[1208] No texto: *qu'arar*.

[1209] VS4 explícao así: *Tiene que sembrar antes o después*. SCD (que escribe *o antes o despois*) comenta o seguinte: *Alude a la gente que bajaba a las ferias y no traía ganado para vender, ni tampoco lo pensaba comprar, podía irse para casa cuando le apeteciese*.

[1210] Por refráns semellantes suponse que o verbo elíptico é *ara*; explícao Llópiz dicindo que ten que pedir emprestada a xugada a quen a teña e, así, ara antes del ou despois del. Recólleo de E. Carré e de Saco y Arce.

[1211] Llópiz recólleo dun *Refranero de Mondoñedo*; di que cadra co cast.: *Quien no tiene buey, o ara antes o ara después*.

[1212] Llópiz explica que *acordar* é despertar dun letargo ou sono.

[1213] Llópiz recólleo de R. Bahamonde.

[1214] Llópiz recólleo en Ferrol do prof. Manuel Masdías.

[1215] Llópiz explica que *paifoco* ten aquí aínda o valor primitivo de coidador do gando (el di en cast. *gañán*) e que *ter bos rellos* é ter boa musculatura e resistencia. Engade que os bois vellos, ademais da súa perfecta adaptación a calquera clase de aparello e traballo, renden máis cós bois novos ou pouco afeitos; correspóndelle polo tanto un coidador tamén forte coma eles. Recólleo en Betanzos. Esta explicación baséase en considera-las cordas como metáfora dos músculos do gandeiro. O *Diccionario de Diccionarios* de Antón Santamarina permítenos ver que *rello* é bacoriño e corda (algúns especifican que "corda para o carro"). Hai algunha outra acepción, pero ningunha fai mención á musculatura. Sarmiento di que *tener a uno a rêllo*, significa "sujetarle, atarle corto" e engade unha hipótese etimolóxica ("Acaso de *regula* y *rectum*"). Na colección de Vázquez Saco aparece o refrán *Reyeiro na porta, o tempo da volta* do que o colector explica o seguinte: "*Reyeiro:* gallegos que antiguamente iban a Asturias en invierno para hacer *reyos,* o cuerdas de cerdas". A Santa Mariña de Muxía ofrécenlle os gandeiros os rellos ou cordas do gando para o que invocaron a súa protección. Eses rellos déixanos en ofrenda no día da festa (18 de xullo) e ó outro día póxanos (*poxa dos rellos*) co que, nalgúns casos, os mesmos oferentes levan para a casa, por unha cantidade que gustosamente deixan á santa, o rello da vaca curada. A maiores, existe tamén o ritual de recoller unha pouca terra dun burato situado á porta da ermida, sobre o que pasa a procesión da Virxe, terra que se lle mesturaba coa comida ó gando cando caía enfermo. Véxase tamén en 12.1.7. *Recursos á protección dos santos*, o costume en Boqueixón de ofrecer unha ducia de bombas á Santa Mariña para que preñe a vaca.

[1216] Llópiz explica que *pegada* é a marca que o pé deixa no chan, a *pisada.* Recólleo do folklore de Mendoia, preto de Trives.

Peicada a peicada vai o boi facendo a labra. (VLLM:1,151) [1217]
Pra enforna-lo pan, quer o boi tremar. (VLLM:1,151) [1218]
Pra o pan engraiar, ha de o boi tembrar. (ANV1:83; VS) [1219]
Pra o pan engraiar, ha de o boi tremar. (ERG:do/engraiar) [1220]
Pra o pan engraiar, o boi ha tremar. (ERG:engraiar)
Pra o pan formar, quer o boi tremar. (MVN2:100; VLLM:1,151) [1221]
Pra o pan fornar, quer o boi tembrar. (VS) [1222]
Pra labrar os nabos, homes tolos e xatos bravos. (Barcia)
Quen a vacas gabou, nunca con bois traballou. (Grou)
Quen co demo anda, o boi se lle esmouca. (FBB:231) [1223]
Quen co demo anda, os bois se lle escornan. (ERQ2:67)
Quen co demo ara, o boi se lle esmouca. (SOBREI) [1224]
Quen con bois arou, moito traballou. (ERG:boi; ZM:209; XLF3:64) [1225]
Quen con vacas ara a mexar se para. (XTC4)
Quen en todo arroparou, nunca cos bois arou. (VLLM:1,152) [1226]
Quen todo o mirou, con bois non arou. (Arc1)
Quen todo o mirou, nunca con bois/boi arou. (ERG:mirar; VLLM:1,152; VS) [1227]
Quer parexa boa, quer mala, o boi arador sempre ara. (VLLM:1,152) [1228]
Se a noite de Carnaval está clara, anda, boi, ara. (VS)
Se a noite de Navidade fai luar, labra ben pra sementar; se a noite de Navidade fai escuro, sementa no terreo duro. (UCA:38.17)
Si a noite de Navidá foi de luar, labra ben pra sementar; si a noite de Navidá foi de escuro, sementa no terrón duro. (XTC4; PdM:20; MVN2:101; ZM:222) [1229]
Se non araras cos meus bois, non saberías dos meus doos. (VLLM:1,152) [1230]
Se queres ter boi gordo, arado estreito e timón groso. (Carb-L:195; VS) [1231]
Si aras en xaneiro, vasme decir que che roubei o esterco do leiro. (VS) [1232]
Si o boi ollara a derradeiro, non falaría/diría mal do labrego. (VLLM:1,153) [1233]
Trata en novelas e ara con vacas vellas. (XTC4)
Un boi non fai máis que un ronsel. (VLLM:1,154) [1234]

[1217] Llópiz recólleo en Trabada, preto de Ribadeo; explica que *peicada* é o mesmo que pegada.

[1218] Llópiz: *enfornal-o*; cita var. de M. Valladares: *Pra o pan enfornar quer o boi tremar*, pero ve-lo refrán deste autor máis abaixo.

[1219] ANV1 e VS: *engrayar*, *ha d'o boi*. *Engraiar* é formarse ou desenvolverse o gran ou semente nas plantas, especialmente no trigo (pan), centeo, cebada, millo etc. RCI dános estoutra variante: *Se no maio o pan ha de granar, na corte o cabalo ha de temblar* (RCI:147).

[1220] Neste refrán parécenos que hai un caso de hipérbaton: o suxeito intercalado entre as diferentes palabras que forman o verbo e que ERG (s.v. *do*) interpreta erroneamente como un caso de non contracción por tratarse de preposición máis pronome persoal.

[1221] MVN2: *quér, trembar*. VLLM: *enfornar*.

[1222] Saco cita a Valladares pero, como se ve, este di *formar.* VLLM di *enfornar.* VS: *trembrar / tambrar*.

[1223] FBB: *Y viceversa*: '*Quen con Deus anda hastra o vento lle apaña a leña'*.

[1224] Localizado en Monforte. No texto: *boy*.

[1225] No texto: *arón, traballón* (ZM). Xaquín Lorenzo aplícao ós que presumen de traballar moito cando o maior peso o levan outros.

[1226] Llópiz: *cós*; explica que as colleitas están encomendadas á Graza Divina, porque son tantas e tan adversas as continxencias que, se se pensa moito, ninguén se metería a labrego. Recólleo en Trigal do Casoio (Valdeorras).

[1227] Aquel que se pare moito a escolle-lo mellor, ó final nunca fai nada; Llópiz recólleo en Castroquilame (Puente de Domingo Flórez). Na E. Espasa coméntase que quen esixe nunha cousa tódalas perfeccións, ó final adoita quedar sen ela. Saco ofrece este equivalente castelán: *Quien todo lo miró, con bueyes no aró*.

[1228] Llópiz recólleo dos *Contos de Sidro Labrego*. Sospeitamos dun erro de *boi arador* por *bon arador*, que sabe dirixi-la parella sexa boa ou mala.

[1229] No texto: *S'a nóite, bén, d'escuro, n'o terron* (MVN2); *fai de luar, fai de escuro* (ZM); *terron* (PdM); *oscuro* (XTC4).

[1230] Llópiz recólleo de Mª Victoria Llópiz (*Nueva rebusca,* Ferrol 1954); explica que é o que se lle di ós intrusos que nos chegan *con zalemas al interior de nuestra casa y costumbres para luego propalarlo* (os andares da casa).

[1231] VS di *ter o boi, timón gordo*.

[1232] No texto: *vasme a decir*.

[1233] Llópiz explica que o pobre labrego consome as súas enerxías na dura laboura do arado, tralo que segue os movementos do boi ou da vaca que tiran pola rella. Recólleo de Juan José Ropero (*O tempo e o agro*).

[1234] Llópiz: *mais*; explica que *ronsel* é aquí o rastro que van deixando as pisadas do boi; explica tamén que o refrán alude ó principio de que a colaboración mellora o esforzo individual.

A teu pai morreulle
o boi mouro
i agora tirarás ti polo arado
fillo de "cágalle o boi no arado". [1235]

Ai puxeches a premanente
non a sabes pentear
debaixo da premanente
andan or bois a labrar. [1236]

Almorzar con papas,
labrar con vacas
e tratar con mulleres,
¿que máis traballo queres? [1237]

Almorzar con papas,
traballar con vacas
e lidar con mulleres,
¿que máis traballo queres? [1238]

Arco da vella ó raiante,
anda, anda, boi, pra diante;
arco da vella ó poniente
ceiba a parexa e vente. [1239]

Bica quente con touciño
éche o caldo das mulleres,
e vén o home da arada
e roe nas verzas se as quere. [1240]

Bica quente e touciño
enchen o caldo das mulleres,
e vén o home da arada
e roe nas verzas se as quere. [1241]

Era home e non era,
andaba na arada
con bois, un de barro
e outro de palla. [1242]

Era home que non era
andaba na arada,
con bois, un de barro
e outro de palla
...
Colga cro non era
os bois na aguillada
e o xugo a pacer
botando na arada
... [1243]

Esta noite fun labrar
e rompeume o aradoiro,
fuxeume a muller da cama
e fun atrás dela en coiro. [1244]

Fas como as vacas de Galdo
que, sin lles ter que afalar,
levan ou deixan o rego
por un fiiño de la. [1245]

Iarriba boiciño arriba
arriba co teu arado
nena se estás nemorada
non che trai bon resultado. [1246]

Miña nai quéreme moito
porque lle fagho arada
porque di que o que non ara
non pode cosechar nada. [1247]

O meniño está no berce
¿quen lle ha de dar a tetiña?
Seu pai na veiga cos bois
e súa nai vai na fariña. [1248]

[1235] TCha:78. No texto: *Á teu pai*. Ve-lo comentario ó refrán *Mariquiña do terbelledoiro...* no capítulo 2. *Exterior* (*2.2.1.1. Raza marela ou rubia galega*)

[1236] SCHU5/2/223, SCHU1/2/507. Aquí, *os bois* representan, festivamente, os piollos.

[1237] DBP:3773.

[1238] Lourei2. Refírese ó pouco proveito que resulta da realización de calquera destas tres actividades.

[1239] Carb-L:43.

[1240] RCI:80, XTC4. No texto: *ven, berzas* (RCI e XTC4). Taboada Chivite dáo como refrán. Tamén VS ofrece este paralelo como refrán: *Leite fresco con manteca é o almorzo das mulleres; e o burro que vén dos toxos, come verzas, si as queres* (VS).

[1241] XLF2:23: *ven, berzas*. Xaquín Lorenzo dáo como refrán.

[1242] AGA:34.

[1243] DBP:2914. Fragmento dun longo romance do que entresacamos estas dúas estrofas. Xa o colector indica en nota a rodapé que ese verso *Colga cro non era* resulta incomprensible tal como está transcrito no texto onde el o recolle. Véxase a variante *era non era foi á arada...* en 9.11.2.

[1244] FBB2:196. No texto: *de ela*.

[1245] MLP3:182. Galdo é parroquia de moito gando, en Viveiro. No texto: *Fás com'as vacas*, *lá*.

[1246] SCHU1/2/233. No texto: *s'estás*.

[1247] SCHU1/2/236bisA. No texto: *qu'o.*

[1248] XAM:29, XAM2:198, VLQ2:367. No texto: *miniño* (XAM2); *co-os bois, sua nai vai fariña* (sic) (VLQ2).

O meniño está no berce
¿quen lle ha de dar as papas?:
si túa nai vaiche na vila
e teu pai foise coas vacas. [1249]

O que non ten bois nin carro,
nin arado nin muller,
non come cando ten fame
nin vai arar cando quer. [1250]

Os de Penedo
comen o caldo acedo
os de Meilás
venden os bois
e aran cos cas
os de Folgoso
comen o raposo
os de Cortegada
comen a burra pelada
e os de Frandeiras
andan arrastro
polas carreiras. [1251]

Pola mañán, cando o galo canta,
os mariñeiros van para o mar,
as regateiras van para a plaza
e os labregos para labrar. [1252]

Rapaza, se vas arar
a aquela leira do souto,
prestareiche o meu arado
e mailos bois por un pouco. [1253]

San Isidro labrador,
que anda arando no campo;
a santa Eufemia bendita
vaille de diante do gado. [1254]

San Isidro Labrador,
que andas arando no campo,
e santa Eufemia bendita
vaille por diante do gando. [1255]

Sei arar cun bo arado,
poñer direita a rabela,
atrás Roxa, máis un pouco,
báixate ó regho, Marela. [1256]

Tira ben polo arado,
miña vaquiña marela,
que imos ver ó Neno Dios
que está cerquiña da veiga. [1257]

Todos me din que te deixe,
que me has de dar mala vida...
¿Onde irás, boi, que non ares,
senón á cortaduría? [1258]

¿Cál é a cousa,
cál é ela?
Terra branca,
semente preta,
cinco bois
á laboreta. [1259]

1249 VLQ2:368. No texto: *téu, co-as vacas*.

1250 JPBII:176.46, XAM:27, XAM2:183. No texto: *carros* (JPB).

1251 RCI:161. Penedo e Meilás, lugares da parroquia de Cortegada, Sarreaus, Lugo. Saco recolle estoutra variante: *En Vilaicente matan o ganado e aran coa xente.*

1252 ALC:267. Recollida en Santa Uxía de Ribeira. No texto: *Pol-a*.

1253 MRV:41.

1254 LimiaB:141. Xaquín Lorenzo dáno-la seguinte explicación: *Refírese á situación respectiva de duas ermidas adicadas a istes Santos na parroquia de Manín. É curioso o troque de Santa Eufemia por Santa María da Cabeza, muller de San Isidro, espricabre pola intensa devoción que nesta terra se ten á pirmeira, cuio corpo apareceu na raia, na serra que leva o seu nome e a cuio pé se atopa a parroquia de Manín*. No índice toponímico amplía: *San Salvador de Manín ou Trasportela, parroquia do concello de Lovios. Aséntase ao pé do monte de Santa Eufemia, na serra do Xurés*.
Sobradamente coñecida é a lenda de san Sidro, labrego madrileño do século XI, ó que viñan substituí-los anxos no arado cando el tiña que parar para rezar. Pola súa banda, a relación de santa Eufemia, que fora martirizada e enterrada en Portugal, co gando explícase porque o seu corpo foi colocado sobre un carro de bois para que estes decidisen o lugar onde construí-la igrexa en honor seu, e así chegou ata as inmediacións de Ourense (XFR2:255 e 484).

1255 DBP:1913. No texto: *qu'andas*.

1256 SCHU1/2/236. No texto: *direit'á rabela* (sic), *baixat'ó regho*.

1257 Lama2:60.

1258 JASA:150; Coto2:102; DBP:1393; VS. No texto: *m'has*, *senon* (JASA); *que non are* (sic) (Coto2); *m'has, ónde*, *sinón* (DBP). Saco y Arce engade en nota a rodapé: *Mi padre, porque soy malo,/A presidio quiere echarme;/Yo le digo: Padre mio,/¿Donde irá el buey que no are?* (Laf. Alcant. II, 335). O noso informante de Coto2 non utiliza signos de interrogación. Blanco Pérez (DBP) indica en nota a rodapé que recolle esta cantiga (de M. Milà y Fontanals) coa forma *che*. VS di que recolle este texto de Ricardo Caruncho (*Diario de Avisos*).

1259 A escritura. APG:211. Chamámo-la atención do lector na ¿coincidencia? de que, en barallete, *arada* significa carta, *arar* é escribir e a *aradora* é a pluma de escribir (Morei:268).

Campo grande,
estrela preta,
cinco bois
e unha charreta. [1260]

Cinco bois i unha rella,
leira branca e simente negra. [1261]

Cinco bois turrando
por unha chavella. [1262]

Eido branco
e terra negra
e cinco bois
tirando pola rella. [1263]

Leira branca,
semente moura,
cinco bois
e a chavella. [1264]

Leira branca,
semente moura,
cinco cabezallas
e a chavella. [1265]

Terra branca,
semente negra,
cinco bois e a chavella. [1266]

Terra branca,
semente negra,
cinco bois e unha chavella. [1267]

¿Cando deben ara-los bois?

A arada e a sementeira do trigo e do centeo faise entre outubro (*mes da sementeira)* e decembro pero a cousa oscila duns lugares a outros. Poñamos dous casos: en Caritel, zona algo montañosa, faise polo Pilar de Parada (12.10) e alá polo san Xosé bótase outro *centeo sorodio*, de menos palla. En cambio, en Ames e en Moraña, zonas máis baixas, o centeo botábase en novembro; en Ames empezábase no san Martiño (11.11) (*Polo san Martiño cada día un ferradiño*) e en Moraña facíase de san Andrés (30.11) a santa Lucía (13.12) pero, mentres en Ames botaban antes o trigo có centeo, en Moraña botaban o trigo despois do centeo, xa alá por Reis (6.1). Nalgúns casos o calendario aínda era máis adiantado: en certas terras de Lugo a sementeira facíase en setembro (*Polo san Mateu* (21.9) ... *polo san Miguel* (29.9)) e especifícase que é así en certos sitios (*en Chantada e Argozón, que en Camba e Deza, inda non*).

Á luz disto podemos entender a oscilación que presentan os refráns e as aparentes contradicións corresponden, polo que se ve, ás diferenzas de calendario agrícola duns lugares de Galicia a outros. O valor destes refráns, polo tanto, é comarcal.

Detallemos, logo. Os refráns da arada recomendan facelo polo san Lucas (18.10) ou santa Erea (20.10) pero, nalgunhas comarcas parece ser mellor adiantar ese labor unhas semanas, de xeito que para esa data xa estea rematado. Por eso encontramos refráns que din *suca, boi, suca* mentres outros din *alza o boi da suca* ou *solta os bois*. Así Chantada, Argozón e Dozón parecen adiantarse a Deza e Monterroso (Camba varía duns refráns a outros). Todos eses lugares son das terras centrais de Galicia pero uns son máis altos ca outros e as zonas baixas dispoñen de máis tempo (*nos altos, que nos baixos, non*).

En calquera caso, os máis concordan en que por san Simón, san Xudas ou san Servando (día 28.10) as aradas e sementeiras deben estar rematadas (*Polo san Servando repousa no cortello o gando*); aínda que, como dixemos, algúns refráns aínda prescriben empezar precisamente nesas datas (*Por santa Andrea* (30.11), *colle os bois e, ben ou mal, semea*).

Por todo esto recollemos a continuación catro grupos de refráns. No primeiro, os que conteñen a recomendación de arar polo san Lucas. No segundo, a de arar por santa Erea. No terceiro a de rematar, en calquera caso, polo san Simón. E no cuarto os que falan de sementar en decembro.

[1260] A escritura. APG:211.

[1261] A escritura. Vive2: *i-unha*.

[1262] A man e a pluma. TCha:1504.

[1263] A escritura. APG:211.

[1264] A escritura; APG:211. Papel, tinta, dedos e pluma; Gud5:40. No texto: *ya chavella* (Gud5).

[1265] A escritura. APG:212.

[1266] O papel, a tinta, os dedos e a pluma. ANV1:103: *y-a chavélla*. APG:211 recoulle unha variante practicamente igual: *Terra branca,/ semente negra,/ cinco palas/ e a chavella*, e dá como solución a escritura.

[1267] ERQ:35 (s.v.: *Boi de Perrelos*); no texto: *blanca, chabella*. Rivas Quintas recóllea en Frades e dá como solución o papel, a tinta, a man e a pluma.

Na semana do san Lucas suca, boi, suca. (VS)
Pola semana de San Luca, suca boi, suca. (NevesC)
Pola semana de san Lucas, suca, boi, suca. ¡Quen tivera sete maus pra sucar pola semana de san Lucas! (TCha:93)
Polo san Lucas alza o boi da suca, mata o porco e tapa a cuba. (NevesC)
Polo san Lucas colle os bois e asuca. (VS) [1268]
Polo san Lucas, deixas de arar e asucas. (Gud5:105)
Polo san Lucas suca, boi, suca e polo san Simón suca varón que pasa sazón. (VS)
Polo san Lucas saca o boi da asuca. (VS)
Polo san Lucas saca os bois da asuca en Camba e en Dozón, en Monterroso aínda non. (Antas4) [1269]
Polo san Lucas solta os bois e os porcos e tapa as cubas. (XAB1:40) [1270]
Polo san Lucas solta os bois, mata os porcos e tapa as cubas. (ERG:San Lucas)
Polo san Mateu sementa ti e sementarei eu; polo San Miguel semente quen poider; e polo San Luca saca o boi da asuca, en Chantada e Argozón, que en Camba e Deza, inda non (VS) [1271]
Por San Lucas alza o boi da suca, mata o porco e tapa a cuba. (VIÑO:54; JASA:344; XTC4; XAB1:40; FBB:230) [1272]
Por san Lucas, os bois ás zucas. (VS)

Por santa Erea, colle os bois e semea. (EAG:51; XLF3:66)
Por santa Erea, toma os bois e semea. (PdM:17; UCA:36.17; ZM:203; VS) [1273]
Por santa Erea, toma os bois e semea; por san Martiño, nin fabas nin liño. (ANV2:18; JASA:344; JASA2:12; JASA3:228; ZM:203, ZM:274; VS) [1274]

A semana do san Simón quita os bois do timón. (VS)
Día de san Simón e san Xudas, ergue os teus bois e suca. (XFR2:489)
Día de san Simón e san Xuncras, alza os bois da cobertura. (XFR2:489)
O día de san Bartolomeu, dice o inverno: ¡Alá vou eu! I o día de san Simón, alza bois e timón. (XTC4; ANV4:18) [1275]
O día de san Pedro bota o grao e tapa o rego. E o día de san Simón alza o arado e os bois. (XFR2:489) [1276]
O día de san Semón alza os bois e o temón. (XFR2:489)
Polo san Servando repousa no cortello o gando. (VS) [1277]
Polo san Simón quita os bois ó timón, polos altos, que polos baixos non. (VS)
Polo san Simón saca os bois do timón, nos altos, que nos baixos, non. (VS)
Polo san Simón saca os bois do timón. (VS) [1278]
Por san Simón solta os bois do timón. (VS)
Por Simón e San Judas mata os porcos, tapa as cubas, e saca os bois das coberturas. (SCD:73)

[1268] VS comenta que *La siembra debe estar terminada por el 18 de octubre, fiesta del Santo*. No texto: *y asuca.*

[1269] O informante explica que a *asuca* se refire á bota do pan, que hai que facela antes en Camba e en Dozón ca en Monterroso, por seren aquelas terras máis ruíns e máis frías.

[1270] Estraña esta forma *solta os bois e os porcos* que só atopamos neste refrán. Outros paralelos, incluso do mesmo colector, aconsellan tal data para *solta-los bois e mata-los porcos*.

[1271] Noutra versión VS di *e semente eu; y Aragón, que en Camba e Deza non*.

[1272] No texto: *Luca* (VIÑO); *d'a sulca* (JASA); *Por San Luca* (FBB).

[1273] Alude ó pan tremés, ou avea e centeo de cedo, segundo Llópiz. VS dá a seguinte equivalencia portuguesa: *Por Santa Irea, pega nos bois e semeia* (Chaves).

[1274] JASA: *sema*. ZM:274: *e polo San Martiño*. Santa Erea ou Irea é o 20 de outubro, mes no que se sementa o centeo ou o trigo. Pero ANV2 sitúa este refrán en novembro, polo que pode ser que se refiran a datas de celebración distintas nalgúns lugares, non refrendados polo calendario litúrxico universal.

[1275] No texto: *dia, y-o* (XTC4); *Bartoloméu, aló, y-o, boys* (ANV4). San Bertomeu, o 24 de agosto.

[1276] Alude a san Pedro de Alcántara (19 de outubro).

[1277] VS recólleo de *O Gaiteiro de Lugo*, 1961.

[1278] VS dá as seguintes equivalencias: E.: *Día de San Simón y Judas, alza tus bueyes de coberturas* (Correas); C.: *Dia de sant Simó i sant Judes, aixeca els bous de les cobertures* (Sanchis).

Por santa Andrea, colle os bois e, ben ou mal, semea. (ZM:204)
Por santa Andrea, colle os bois e semea. (XFV:39; UCA:36.17; VS) [1279]

O seguinte conto corresponde ó tema universal na literatura de tradición oral do irmán que toda a familia ten por parvo pero que, coa súa renartería, remata vencendo os que pasan por máis listos [1280]. Así, *Iván o parvo* é un dos contos máis populares da literatura oral rusa. O conto, ben longo por certo e do que só copiámo-la primeira parte, continúa coas ocorrencias do irmán parvo, que vai facendo as maiores pillerías non só a esa familia, senón ó mesmo demo do inferno: no remate mata o patrón e casa coa filla, á que xa tiña encinta.

Os tres irmaos [1281]

Unha vez eran tres irmaos e dous eran espabilados, pero un, o pobre, saliu tonto, era máis tontiño. Entonces morreulle-lo pai e maila mai, e claro, quedaron huérfanos novos e non tiñan de que vivir, e o máis vello dixo que iba servir un amo:

- *Bueno, vós quedade na casa que eu vou servir un amo, se fago algo xa vos avisarei*.

E marchou. Andivo mirando e tal e chegou onda un señor pedíndolle traballo e díxolle que si, e entonces dixo:

- *Pois logo xa pasarei por aquí outra hora e tal.*

E dixo:

- *No, podes vir mañá xa.*

Díxolle á muller:

- *Atopei xa criado, mañá vén o criado.*

Para outro día chegou o criado e díxolle:

- *Bueno, veño logo a ver se me dá traballo e tal.*

E díxolle el:

- *Si hombre, pero eiquí, os que veñen aquí, pr'onde min, cunha condeción.* -E dixo- *Ó primeiro que se enfade sácaselle unha tira desde a cima da cabeza ó fondo dos pés, eh. Unha tira de coiro hasta o fondo dos pés.*

E dixo:

- *Bueno, xa está.*

Efetivamente, saliron os dous e foille enseñar as fincas todas, as ribeiras, e foille enseñar todo e pro outro día díxolle.

- *Bueno*- díxolle ó levantarse, díxolle- *vaite, colle o xugo, os bois e colle o carro e vai busca-la leña pro forno e trala que non seña nin muy gorda nin muy delgada, nin muy torta nin muy dereita.*

E dixo:

- *Bueno.*

Colleu e marchou, a macheta e o carro e os bois e foi á millor ribeira que tiñan e cortoulla toda polo pé, afeito, todas as cepas que tiña, e entonces, claro, trouxolla como lle mandou, abaixo o tronco era gordo, arriba as pudias eran delgadas, abaixo a cepa era torta, arriba a guía era direita. Il levaba a leña tal como era, e entonces ó chegar á casa, e o home traía o carro cargado, e o carajo de cepas, e díxolle:

- *¿Ti donde vés?*
- *Pois tal, veño de tal ribeira.*

E díxolle:

- *E vés, pero cortache-la ribeira, pero ti que fixeches, ¿cortáche-la ribeira?*
- *Cortei, cortei.*

[1279] No texto: *Santo Andrea*. Saco dá as seguintes equivalencias: E.: *Por San Andrés sementera es; por Santa Catalina, sementerina* (Correas); C.: *Per sant Andreu, sembra es blat teu* (Sanchis), *Per sant Andreu, sembra del teu; si ho has d'emprar, deixa-ho anar* (Sanchis).

[1280] Ver no apartado 10.7. *O pago do gando* a transcrición parcial doutro conto semellante, titulado *Os tres hirmans* e recollido por Marcial Valladares.

[1281] Antas4b. Recollido de Desiderio Iglesias en Olveda (Antas de Ulla).

E díxolle:

- Ladrón qué fixeches, que me derramache-la ribeira toda.

E díxolle:

- A osté dáselle.

- Home, dar non se me dá.

E díxolle:

- Pois a min tampouco.

E xa non lle gustou e pro outro día díxolle:

- Bueno colle un saco de pan e, i-os bois e o arado e vai bota-lo pan a tal finca, non o botes nin muy basto nin muy raro, nin muy á cima nin muy fondo.

E dixo:

- Bueno.

Preparou todo, marchou, chegou e meteu o rego nesgado na leira, dunha punta á outra, atravesou a leira ó medio, cando foi pa riba levou o rego ben fondo e colleu o saco ó lombo e verteu o grao por aquel rego adiante, e cando volveu pa baixo trouxoo á cimiña de todo e tapouno, e volveu pra casa.

E díxolle:

- ¿Pero ti xa sementaches?

- Sementei.

- ¿E como fixeches?

- Pois fixen así e así.

- ¡Ai ladrón que acabaches co pan e derramachesme a leira! Que ahora non vale pra nada.

- ¿Osté dáselle?

- Home, a min non.

- A min tampouco.

Bueno, e agarrou e díxolle á muller:

- Oes, é millor despachalo, darlle o que sea e que se vaia.

E díxolle a muller:

- Non che se vai, xa verás, non che se vai.

- Pois estamos perdidos con il, se sigue así bótanos á ruína.

Agarrou e deulle un tanto capital e marchou, chegou á casa e dixo:

- Eh, veño cunha fortuna.

Milagre dos bois e o día de San Sidro [1282]

Pois un día, polo día de San Sidro, andaba arando un home no aghro, e sentiu a campana, como era día de San Sidro, pois e, díxolle ós bois:

- Ojo, parade aí que teño que ir á misa.

E clavóulle-la vara diante diles i el [1283] marchou, i os bois [1284] quedaron alí, pero il foi oí-la misa, e volveu, pero xa non encontrou, xa os bois non estaban no arado, xa marcharon, pero iles iban andando, e dixo: *San Isidro querido me salve os bois*, i os bois ó oír eso pararon, i alí [1285] clavaron as uñas dos pés nunha pena, i alí quedou a muestra pa sempre.

O labrego que entendía ós animais [1286]

Chegou [1287] un labrego cos bois da arada, e deulles de comer nas manxadoiras. A par dos bois estaba un burro. O burro preguntoulle ao boi:

[1282] XPP:140. Recollido en Curbián, Palas de Rei.

[1283] No texto: *i-el*.

[1284] No texto: *i-os bois*, tamén no resto do conto.

[1285] No texto: *i-alí*, tamén no resto do conto.

[1286] FINGOI: 55.

[1287] No texto: *chegóu*. Tamén no resto do texto: *déulles*, *preguntóulle*, *tratóu*, *contestóulle*, *botóuse*, *enfadóuse*, *marchóu*, *arreglóu*.

- *¿Qué tal te tratou o amo?*

O boi contestoulle que bastante traballo.

E díxolle o burro:

- *Porque* [1288] *queres. Faite o enfermo e non comas.*

Pero, como o labrego conocía o lenguaxe dos animais [1289], botouse a rir, e pola tarde xonguíu o burro, i o burro non quería tirar polo arado, pero o amo dáballe paus.

Cando o burro chegou á noite, preguntóulle o boi:

- *¿Qué tal te trataron?*

- *Ben*.

- *¿E qué dixo por min?*

- *Que si no te poñías ben mañán, que te leva ao matadeiro*.

O amo estaba cenando e riuse [1290], i a muller quería saber por qué se ría i o home non lle podía descubrir o secreto do lenguaxe, porque, si non, morría. I a muller enfadouse e marchou á cama.

O capón no muro da aira: *¡Cacaracá, cacaracá!*

Despois saliu [1291] o can:

- *Jau, jau* –díxolle ao capón- *Non cantes, que nos vai morrer o amo*.

O capón outra vez:

- *Cacaracá. Porque che quere, porque lle vai descubrir o secreto á muller. Así que colla unha tralla e bote á muller da cama*.

O labrego seguiu [1292] o consello e así arreglou o asunto.

O boi e o burro [1293]

Un que tiña dous bois amais un burro pa tirar, e un criado... Pero daquela seica falaban os animales e o burro díxolle ós bois:

- *¡Me cagho...! Pero como vés abatido, ¡hombre! Di que estás coxo, ho, e non o levades a traballar.*

- *Mais tes razón.*

E pola mañá o boi fíxose o coxo. E dixo o criado…, chamou polo amo:

- *¿Amo?, ¡un boi está coxo!*

- *¡Bueno, pois trae o burro!*

Dixo o burro:

- *¡Mecachis en diez!, non se lle pode facer ben a naide*. E alá vai o burro mailo outro boi. O burro todo o día a lastaghar:

- *¡Tira boi! ¡Arre burro! ¡Arre burro!*

Cheghou á noite todo cansado. E díxolle o boi:

- *¡Mira, ho!, por cuenta miña fuche levar…*

- *¡Siii! A estira miña non vai a nada, o que vai é unha cousa que dixo o amo ó criado.*

- *¿E que lle dixo?*

- *Se mañá pola mañá o boi está coxo, mándalo prá carnizaría.*

Dixo:

- *¡La puta! Mañá estou eu máis…*

O boi pó outro día saltaba. Abre a porta:

- *¡O boi está sa!*

- *Bueno, pois deixa o burro.*

[1288] No texto: *Por que*.

[1289] No texto: *animáis*.

[1290] No texto: *ríuse* (sic).

[1291] No texto: *despóis salíu*.

[1292] No texto: *seguíu*.

[1293] CNC:122. Recollido no Valeo, Ortigueira, A Coruña, de Antonio Canoura, de 86 anos de idade en 1998.

9.7. Recuar

12171 **arrecú** *s.m.* Acción e efecto de recuar. (ERG).
12172 **ceacú** *s.m.* Retroceso, acción de avanzar cara atrás. (ERG).
12173 **acuar** *v.* Ver RECUAR /12190. ERG di que é facer que un animal ou vehículo se arrimen pola parte traseira a algunha parte. (Com1, ERG, Fri., Gui., LG).
12174 **arrecuar** *v.* Ver RECUAR /12190. (Com1, ERG, Goián, Gro1, Gun., Marín, Mel1, Nove., Pantón, San., SComba).
12175 **arricuar** *v.* Ver RECUAR /12190. (ERG).
12176 **caluxar** *v.* Facer recuar [a xugada]. (LG).
12177 **cear** *v.* Recuar [o gando]. *¡Cea os bois, rapaz!, cea o carro*. (Caa., Com1, ERG, ERQ, Feás-A, Gro1, Gud., Gud5, Gui., Marín, Mel1, MVN, Sob., Ver1, Vil.).
12178 **celar** *v.* Facer recuar [a xugada], facerlle acenos coa man de que se vaia. (Piquín).
12179 **cenar** *v.* Recuar ou facer recuar [a xugada]. ¿Será un hiperenxebrismo, por *cear*? (Fra.).
12180 **ciar** *v.* Ver CEAR /12177. *Foi a bater co-os belfos n'un aguzado seixo e cía recelosa* (JM:40). (Cab., ERQ, Esc., Gro1, JM, Laxe, Rib4, Xun., Xun2).
12181 **desacuar** *v.* Desface-la operación de acuar. (LG).
12182 **estaleixar** *v.* Dar atrás [á xugada]. (LG, SCilla).
12183 **estear 1** *v.* Ver ESTIAR /12185. (Ced.).
12184 **estear 2** *v.* Facer que o gando que está arando dea correctamente a volta cando chega ó final dun rego.... *como ten que estar cocendo a túa filla e mais a túa muller, unha sola non se arreglaba moi fácil, e entonces veño eu estearche un pouco as vacas*. (Abadín4:139).
12185 **estiar** *v.* Facer recuar [o carro ou os animais]. (Razo).
12186 **estixar** *v.* Ver ESTIAR /12185. (LG).
12187 **fastar** *v.* Ver RECUAR /12190. *¡Alá boi, fasta pra tras, fasta!*. (Ram., Rib4).
12188 **froxar** *v.* Facer recuar [as vacas]. (Friei., Gud.).
12189 **rebater** *v.* Facer recuar. *Rebate o vitelo pra tras que escapa*. (Xun2).
12190 **recuar** *v.* Andar cara atrás. (Común).
12191 **taleixar** *v.* Recuar [os bois xunguidos]. *Taleixa atrás o gado*. (MLP, SCilla).
12192 **teleixar** *v.* Ver TALEIXAR /12191. (LCA2).
12193 **zuiar** *v.* Facer recuar [a xugada e o carro]. (Cal.).
12194 **zuír** *v.* Ver ZUIAR /12193. (Lemos2, Pantón).
12195 **andar de recadén** *loc. v.* Ver RECUAR /12190. (LT2, Toba, XER).
12195b **dar atrás a** [vaca/boi] *loc. v.* Facer cear un bovino. *¡Canto traballo hai nesta casa / carrexar os caldeiros da auga, /abrir e cerrar as portas /e dar á teixa atrás!* (TCha:1152.).
12196 **dar de recú** *loc. v.* Ver RECUAR /12190. (Dum.).
12197 **dar recú** *loc. v.* Ver RECUAR /12190. (Com1).
12198 **escapar cara atrás** *loc. v.* Ver RECUAR /12190. (Per.).
12199 **ir a recú** *loc. v.* Ver RECUAR /12190. (CP, Grixó).
12200 **ir de cu** *loc. v.* Ver RECUAR /12190. (Caa., Razo).
12201 **ir de recú** *loc. v.* Ver RECUAR /12190. (ERG, Incio).
12202 **a ceacú** *loc. adv.* Cara atrás. *Puxo as vacas a ceacú*. LT2 recolle *andar a ceacú*. "Usan mucho esta locución nuestros labradores cuando guían el carro por una *corredoira*, para obligar a los bueyes a que retrocedan en un paso difícil" (ERG). (ERG, LT2, XER).
12203 **a ciacú** *loc. adv.* Ver A CEACÚ /12202. Deverbal de *ciar*, recuar, andar cara atrás. (Xun2).
12204 **a recúas** *loc. adv.* A recú, recuando. (Piquín).
12205 **a redecú** *loc. adv.* A recú, recuando. A nosa fonte escribe *arredecú*. (Sis.).
12206 **ó ceacú** *loc. adv.* Ver A CEACÚ /12202. (ERG, Gud5, LT2).

¡Canto traballo hai nesta casa
carrexar os caldeiros da auga,
abrir e cerrar as portas
e dar á teixa atrás! [1294]

[1294] TCha:1152.

9.8. Outros trebellos e accións do gandeiro

9.8.1. O vetillo

Para que as vacas non pazan cando non deben e para que os becerriños non mamen, inventáronse diferentes instrumentos que se lle poñen no fociño: son os vetillos e hainos de diferentes materiais e feituras: corda, arame, vergas e, actualmente, de plástico ou aceiro inoxidable.



Vetillo de vergas (Marcón, Lamela, Silleda).



Vetillo moderno (Silleda).

12207 **bocal** *s.m.* Ver BOZO 1 /12210. (ERG).

12208 **boceira** *s.f.* Ver BOZO 1 /12210. (ERQ, Razo, SComba).

12209 **boceiro** *s.m.* Ver BOZO 1 /12210. (Ardán, Cam1., Com1, Lea).

12210 **bozo 1** *s.m.* Ver VETILLO 1 /12220. A. Liste diferencia entre *bozos* e *bitillos*. Os primeiros serían os cestos de vergas de carballo ou salgueiro ou de rede metálica, que se lles pon ás vacas que traballan, para que non paren a comer; mentres que os segundos serían as táboas que se lles ata ós becerros na testa para que non poidan mamar, por ter cravos ou pugas que firen ó ubre da nai. Pero moitas outras fontes dan os dous significados para as dúas voces. *[...] a vaca ara a terra e acarreta os seus productos; cría xatos e ainda lle sobra leite pra manter ós seus donos. Claro é que entón hai que lle acurtala ración ás crías e, pra evitar que mamen, póñenselles unhos bozos feitos de corda ou de vergas* (Morei.:206). (AL1, Cal., ERG, Goián, Gud., Hermi., Morei., Mra., Oirós, Pantón, Ped1, Ram., VGR., Vala., Xun.).

12211 **buceira** *s.f.* Ver BOZO 1 /12210. (Cam2, Dum., Laxe, Noalla3, Quir., Talla., Toba).

12212 **buceiro** *s.m.* Ver BOZO 1 /12210. Crespo Pozo explica que se fai de arame. (CP, Pad3).

12213 **buzo** *s.m.* Ver BOZO 1 /12210. (Cam2, Castre., Com1, Ctel1, Cur., ERG, Feás-A, San., XRMF4).

12214 **cesta** *s.f.* Ver VETILLO 1 /12220. (Gro5, Saln.).

12215 **cesto** *s.m.* Ver VETILLO 1 /12220. (Cod., Cur., Feás-A, Oirós, Suarna).

12216 **embozo** *s.m.* Ver BOZO 1 /12210. (Ced.).

12217 **fuciñeira 2** *s.f.* Ver VETILLO 1 /12220. *Ó boi que macha/malla non lle poñas fuciñeira*. (VLLM).

12218 **talega** *s.f.* Ver VETILLO 1 /12220. A nosa fonte en Macedo escribe *taleja*. (LG, Macedo).

12219 **taleixo** *s.m.* Ver VETILLO 1 /12220. (Cerd1, LG).

12220 **vetillo 1** *s.m.* Especie de cesto de arame, vergas ou vimbio que se lle pon ós bovinos no fociño para que non coman ou mamen en certos casos. (Caa., Cab., CP, FMS, GB2, Lan., Macedo, Merca, Mez., Mon., Pantón, XER).

12221 **vetillo 2** *s.m.* Táboa que se pon por diante da cara do xato para que non mame. Leva cravos na parte inferior cos que manca o ubre se o intenta. "Para evitar que el ternero mame en el monte se le coloca un *vetillo*. Consta de una tabla que se adapta a la cabeza, sujetándola mediante una cuerda que se ata al testuz del animal y otra que le rodea el hocico; en la parte inferior lleva una o varias puntas con las que pincha a su madre en el acto de mamar. Se acostumbra también a embadurnar la ubre de la madre, con boñiga, para que, al notar el mal sabor de la misma, no desee mamar" (Gud7:52). Pantón: *Betillo*: "táboa con puntas que se suxeita sobre o morro dos tenreiros". Mez: *Betillo*: "bozal con pugas que se lle coloca á terneira para que non mame". (Gud5, Gud7, Mez., Pantón, VGR, XRMF4).

12222 **vitillo 1** *s.m.* Ver VETILLO 1 /12220. Vilaf. e LG escriben *bitillo*; o primeiro especifica que é "bozal do boi". (Cod., Com1, ERG, Fri., Gun., Lan3, LG, Mel2, Merca, Ram., Sob., Vilaf.).

12223 **vitillo 2** *s.m.* Ver VETILLO 2 /12221. Ver nota a BOZO 1 /12210. AL e Ancares2 escriben *bitillo*. *Aínda a vaca non pariu e xa lle queremos pór o vitillo ao xato* (VLLM). "*Bitillo*, betijo, mosquete o tranca: especie de tablita con tres pinchos para que, al intentar mamar el ternero, le rechace la vaca al ser pinchada" (Ancares2:200). (AL1, Ancares2, VLLM, XLF).

12224 **votillo** *s.m.* Ver VETILLO 1 /12220. A nosa fonte en Cur. escribe *botillo*. (Cur., Feás-A, Mel1).

12225 **vutillo** *s.m.* Ver VETILLO 1 /12220. (Sob.).

12226 **vutixo** *s.m.* Ver VETILLO 1 /12220. (Beariz).

12227 ***bozal** *s.m.* Ver BOZO 1 /12210. (Cur.).

12228 **avitillar** *v.* Ver ENVITILLAR /12231. LG aplícao ós bois que aran ou turran do carro, para que non paren a comer. Eladio Rodríguez escríbeo con be, en coherencia con *bitillo*, pero logo escribe *envitillar*, de *vitillo*. LG tamén escribe *abitillar*. (ERG, LG).

12229 **embozar** *v.* Poñerlle o *bozo* [a un animal]. (Ced.).

12230 **envetillar** *v.* Ver ENVITILLAR /12231. (Gond.).

12231 **envitillar** *v.* Poñe-lo vetillo [ós terneiros] para que non poidan mamar ou [ás vacas] para que non paren a comer. LG escribe *embitillar*. (ERG, LG).

12232 **envutillar** *v.* Ver ENVITILLAR /12231. (Sob.).

Aínda a vaca non pariu e xa lle queremos pór o vitillo ao xato. (VLLM:1,127) [1295]
Ao boi que remoa non lle tápe-la boca. (VLLM:1,156) [1296]

[1295] Llópiz: *queremos lle pór o vitillo*. Recólleo de E. Fuciños en Antas (Lugo) e engade que o vitillo é *especie de bozalejo, que se pone a los terneros (xato o xatiño), para que no mamen. En sentido fig. es alusión a los que dan por realidad, lo que solo constituye una ilusión.*

[1296] Llópiz: *tapel-a*.

Non lle ates a boca ó boi, que remoi. (VS) [1297]
Non lle tápe-la boca ao boi que remoe/debulla. (VLLM:1,145) [1298]
Ó boi que macha/malla, non lle poñas fuciñeira. (VLLM:1,156) [1299]

9.8.2. A choca

No pescozo da vaca cólgase un instrumento musical que axuda a tela sempre localizada porque o fai soar cada vez que move o pescozo. E, se son varias, colócaselle á vaca dominante do rabaño que así o mantén cohesionado. A feitura pode ser unha campaíña de base circular e de timbre afinado ou unha algo maior pero de base rectangular e cos lados pequenos redondeados, que emite un son choco e desafinado.



Becerra coa súa campaíña.

En moitos países do mundo o uso de instrumentos que producen ruído está asociado a ritos de expulsión: ben para afasta-los espíritos cobizosos, ben para afasta-la alma do primeiro esposo ou esposa, cando alguén contrae segunda nupcias. Son as *cencerralladas, chocalladas, cornetadas, toas* e *sarrallos.*

Por esa mesma razón, fanse *cornetadas* ou *cencerradas* cando un contraente forasteiro se nega a *paga-lo piso* ou *o gaiteiro*, coma se a aldea por aqueles ritos (convidar a viño a toda a aldea, traer un gaiteiro) concedese a autorización a casar cunha moza que lle é propia. Nese caso fáiselle barullo con chocas á porta da casa.

12233 **badalo** *s.m.* Badal da choca (ou da campá da igrexa). (Hermi.).
12234 **campaín** *s.m.* Choca de cobre. (Suarna).
12235 **campaíña** *s.f.* Choca pequena. (Caa., Cod., Com1, Feás-A, Vala.).
12236 **campaniño** *s.m.* Choca de cobre. (Goián).
12237 **campano** *s.m.* Choca de cobre. (Ped1, VGR).
12238 **campeíña** *s.f.* Choca pequena. (Vil.).
12239 **cencerro** *s.m.* Choca. (Com1).
12240 **cincerra 2** *s.f.* Choca. (Ancares2).
12241 **cincerro** *s.m.* Choca. (Ancares2).
12242 **cinzarra 2** *s.f.* Choca das vacas. En Moraña aplícase metaforicamente á mala música. (Burón, Grixó, Piquín).
12243 **cinzarro** *s.m.* Ver CINZARRA 2 /12242. (Burón, Suarna).
12244 **colar 1** *s.m.* Correa de coiro que cingue o pescozo da vaca e da que se pendura a choca. *Sempre hai algunha* [vaca] *na casa que leva*

[1297] VS comenta que o refrán é de tradición bíblica: "*Non alligabis os bovi trituranti*". *No pueden impedirse las cosas necesarias*. A cita bíblica que anota Vázquez Saco refírese a I Cor 9,9.
[1298] Llópiz: *tapel-a*, *remóe*. Recólleo de J. F. Losada, prof. vet., e explica que os ruminantes non poden remoer sen move-las queixadas e entreabri-la boca para respirar. A var. *debulla* é de Bande e Lobeira onde é sinónimo de *remoe*.
[1299] Llópiz explica que *machar* e *mallar* significan remoer; e que *fuciñeira* é o vetillo. Recólleo de Martín Lázaro.

colar con remaches dourados e febilla de gran prestancia, con chocallo ou boa esquila. Boa guía na enfoscada (Friei.:198). (ERQ3, Friei., Gud5).

12245 **coleira 1** *s.f.* Ver COLAR 1 /12244. *As 'esquilas' e 'coleiras' máis novas son para lle pór á que vai á feira ou xunguida no carro*. (Raiaseca:130).

12246 **choca 1** *s.f.* Campaíña frecuentemente rústica e de cobre que se colga do pescozo do gando que pace ceibo. Tamén se dá este nome á campá agretada que soa mal: *Os homes da parroquia hachábanse xunto da ilesia dispostos a subir unha campana nova que viñera pr'ó sitio d'outra que pol-o tocar roufeño, por estar fendida, lle chamaban 'a choca'* (GB1:156). FMS (*Col. de voces*, 228) derívao do lat. *cloca*. Pintos dá tamén a forma *chòca*. *As irmás pol-os cómaros e prados e ribeiras pacen a fresca herba facendo soar as chocas* (JM:40). (Ancares2, Burón, Caa., Cal., Cre., ERG, FMS, Goián, Grixó, Gun., JM, JMP, Mel1, Mra., Parade., Ped1, Per., Sob., Suarna, Vala., Ver1, VGR, VLLM, Xun.).

12247 **chocalla** *s.f.* Ver CHOCA 1 /12246. (CP, Gud., Vil., VLLM).

12248 **chocallo** *s.m.* Ver CHOCA 1 /12246. Na Gudiña explican que é de latón, mentres que a *esquila* se fai de bronce. *Levan chocallos as vacas e bois pra que non se perdan na néboa* (Cou3:20). (Ancares2, Cou3, CP, ERG, Gud., Gud5, JMP, Mez., Porto, Ver1, VLLM).

12249 **chocallón** *s.m.* Choca grande. (Porto).

12250 **chocarelo** *s.m.* Choca pequena. (Burón, Suarna).

12251 **chócola** *s.f.* Choca grande. (Arn.).

12252 **chueca** *s.f.* Ver CHOCA 1 /12246. (Ibias2).

12253 **esquila** *s.f.* Choca de bronce. *Enféitanas con fermosas e boas 'esquilas' de fino toque, bos colares de coiro, mulidas... As 'esquilas' e 'coleiras' máis novas son para lle pór á que vai á feira ou xunguida no carro* (Raiaseca:130). (Friei., Gud., Gud7, Hermi., Porto, Raiaseca, Xun.).

12254 **esquilón** *s.m.* Choca. (Cal., Ced., EAR3, Mez.).

12255 **enchocallar** *v.* Poñerlle o chocallo [ó gando]. (ERG).

A boi vello, chocallo novo. (ERG:boi; ACC) [1300]
Ao boi vello, chocallo novo. (VLLM:1,129) [1301]
A boi vello, ¿pra que chocallo? (ERG:boi) [1302]
A pequeno almallo, gran chocallo. (ERG:almallo; XSIN:29) [1303]
A pequeno almallo, grande chocallo. (XLF2:20)
A pequeno almallo, pequeno chocallo. (ERG:almallo)
A unde vai a choca vai a recua. (XBG:480)
Onde vai o chocallo vai o fato. (VLLM:2,90)
Ao que ten poucos bois, antóxanselle os chocallos. (VLLM:1,130) [1304]
Quen bois perdeu, chocallos se lle antollan. (ERG:boi) [1305]
Quen perde o almallo, lle busca o chocallo. (VLLM:1,152) [1306]
Quen perde o boi e atopa o chocallo, xa non perdiu tanto. (VLLM:1,152)
Boi con chocallo non se perde polo atallo. (VLLM:1,151) [1307]
Pra que non se perda o almallo, ponlle ó pescozo o chocallo. (VLLM:1,151)
Boi sin chocallo pérdese no prado. (VLLM:1,135) [1308]
Boi sin chocallo pérdese polo atallo. (VLLM:1,135) [1309]
¿Chincla o chocallo? Logo pasa o gado. (VLLM:2,90) [1310]

1300 Emprégase en sentido irónico, condenando ó matrimonio de idades moi diferentes: casar unha muller vella cun novo ou unha rapariga cun home vello. De Noriega copiamos esta variante: *A porta vella, caravilla nova* (ANV1:95). Corresponde a *Burra velha, albarda nova*. No texto: *velho, chocalho* (ACC).

1301 Llópiz di que o recolle de Noriega Varela *(Ref. de Foz y Ribadeo)*; engade que é irónico coma o cast. *A la vejez viruelas*.

1302 ERG: *pra qué*.

1303 Porque as aparencias enganan e xa se sabe que *Can ladrador, pouco mordedor*.

1304 Llópiz: *se lle antoxan*; recólleo en Nespereira de G. Rodríguez.

1305 Cando desexamos moito unha cousa, o propio desexo engánanos facéndonos pensar que é boa de conseguir. Tamén *Ó que os cochos lle faltan, hastra as silveiras lle roncan* (ANV1:84), que Noriega explica cun refrán latino: "*Facile invenisse credimus quod avemus*" [Parécenos que encontramos facilmente aquilo que desexamos]; ou *O que perdeu as ovellas, leva a choca nas orellas* (ZM:180).

1306 Llópiz presenta este refrán de irregular colocación do pronome, recollido de Gil Portas en Pontevedra; explica que o busca por montes e vales, tentando senti-lo chocallo que leva sempre colgado.

1307 Llópiz recólleo en San Xurxo de Sacos; cita o complementario *Boi sin chocallo pérdese polo atallo.*

1308 Llópiz recólleo de E. Gayoso, de Monterroso.

1309 Llópiz recólleo no Páramo (Sarria).

1310 Llópiz di que cadra co cast. *¿Nos ladran? Luego cabalgamos*.

¿Sona o chocallo? Gado vén. (VLLM:2,95) [1311]
Chocallo de prata e bois rombós son as boas señaes do labrador. (VLLM:1,139) [1312]
Chouco, chouco, chouco, os chocallos meus e as vaquiñas/os bois doutro. (VLLM:1,139) [1313]
Xurden os chocallos primeiro que os almallos. (VLLM:1,157 bis)

Campás e chocallos
grandes e pequenos
fendían o aire
queixábanse ao ceo. [1314]

Fúchete pá iHabana
por non traballar
a choca de balde
non cha van a dar. [1315]

Inda te hei de ver, bo mozo,
trabado de pés e mans
cunha chocalla ó pescozo. [1316]

Vou ó monte e non como,
vou ó río e non bebo,
eu co meu son me manteño. [1317]

9.8.3. As ferraduras

Pra ferrar os bois e as vacas non se empregan ferraduras senón canelos, consistentes en pezas de ferro en forma de semicírculo; na parte curva leva as furas prós cravos e na parte do diámetro unha prolongación destiñada a entrar por antre as uñas do animal e ser domeada por riba delas.

Cada pé leva dous canelos simétricos, cravados somentes, coma dixemos, pola parte curva, que é a exterior.

Pra ferral-o gando vacuno, amárrase primeiro no potro, que consiste nun armadillo formado por catro esteos verticás, de 2 mts. de outo cada un, e artellado entre sí por meio de catro trabes. Nun dos lados maiores do rectángulo que ocupan vai un torno no que se embrulla unha corda que sai da parte de riba do outro lado e pasa por unha roldana situada sobor do torno. Posto o animal no meio do potro, pásaselle por baixo a corda, que niste anaco é sustituída por unha cincha, e vaise enrolando ó torno até que o boi ou a vaca queda meio dependurada, podendo entón ferrala doadamente.

En xeral, os ferradores fan tamén algunhas curas ó gado cando é preciso, coma sangrías e outras, mais isto é máis propio dos menciñeiros, ós que o campesiño acode con máis fé que ós veterinarios. [1318]

Véxase a epígrafe 7.3.5.3. na que falamos do potro, que é onde se inmobiliza o animal para ferralo.

12256 **canelo** *s.m.* Cada unha das dúas pezas que constitúen a ferradura da vaca ou do boi. ERG recolle o uso desta voz xa no s. XIII. *Algunhas veces, poucas, ás vacas con pezuños especialmente delicados, e máis a miúdo ós bois, sobre todo se son de carreteiros, póñenlles unhas ferraduras que nalgúns lugares chaman 'canelos'. Nas zonas con fortes pendentes son aínda menos comúns porque nas costas resúltanlles incómodos ós animais* (XRMF4:88). Eladio Rodríguez dá tamén este nome para os cravos cos que se suxeitan as ferraduras, tanto nos bovinos como nas bestas. (ERG, Parade., Piquín, Ram., XLF, XRMF1, XRMF4, Xun2).

12257 **ferra 1** *s.f.* Pequena ferradura que se lle puña ás vacas nas uñas enfermas. (Hermi.).

12258 **ferraxe 2** *s.f.* Conxunto de útiles do oficio de ferrador. (Cou2).

12259 **ferraxe 3** *s.f.* Acción de ferrar animais (cabalos ou bois). (Cou2).

12260 ***callo 5** *s.m.* Ferradura dos bois. (VGR).

[1311] Llópiz: *gâdo ven*.
[1312] *Bois rombós* son bois gordos e fermosos, limpos e ben presentados (*alhajados*, di Llópiz); recólleo de Manuel González en Pelliceira (no linde de Navia de Suarna con Asturias).
[1313] Llópiz: *de outro*; recólleo de María Victoria Llópiz (*Nueva rebusca...* 1954).
[1314] FMS5:97,216. No texto *Campâs, queixabans'ao.*
[1315] SCHU6/2/1746.
[1316] RC:168. No texto: *c-unha.*
[1317] A choca. PM:1092.
[1318] XLF:544.

9.8.3.1. O puxavante



Puxavante.

Como instrumento específico para rebaixar e nivela-los cascos do gando, previamente á colocación das ferraduras, témo-lo *puxavante*, ferramenta de corte ancho cun tope no mango. Para a pregunta *Instrumento para rebaixa-los cascos da vaca*, o cuestionario do ILG obtén a resposta *puxavante* en 111 localizacións, ademais de numerosas variantes, pero os informantes achegan tamén diferentes ferramentas de uso máis xenérico pero que tamén utilizan co mesmo fin. Á hora de interpretar estas respostas deben terse en conta dúas cousas: que o uso das ferraduras é común nos equinos pero non tanto no vacún polo que, cando se necesite recorta-los cascos deste é máis probable que se bote man doutros trebellos máis axeitados para outros fins (tenaces, podadeiras); e, en segundo lugar, que parece verosímil que esteamos obtendo respostas para realizar outras operacións nos cascos que non teñen que ver coa ferraxe do gando senón co recorte dos pezuños excesivamente grandes ou coa apertura e limpeza de feridas nos pezuños, para o cal a navalla ou o coitelo parecen máis axeitados. Aínda que estes instrumentos non caben nesta monografía, por inespecíficos, non renunciamos a recoller aquí esta información, incluíndo aqueles que nos resultan incribles, como o *fouciño* ou o *serrón*:

escucia	Noal.
fornalas	Zamáns.
paleta	Damil, Mira.
xabreiro	Nive.
tesoira	MCouso.
tixeira	Bas., Buga-A, Cervá1, Couce., Medín, Pravio.
tixeira da poda	Melias, Piñe.
tixeira da viña	Arca.
tixeira de podar	Oliv.,Sabu3.
coitelo	Busta.
coutelo	Arme.
***cuchilla**	Lampon [1319], Macei.
***cuchillo**	Neda.

[1319] O noso informante en Lampón escribe *cuchila*.

cuitelo	Burgo, Parga.
machete	Oroso2.
navalla	Busta., Ortoño.
ghubias (*jubias*)	Enxame.
gubio	Arroxo.
anxola	neves2.
fouciño	Arme.
serra	Borre.
serrón	Gui.

12261 **busavante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Baíñas).
12262 **buxamante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Cam4).
12263 **buxavante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Carb3, Morai.).
12264 **cuxavante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Tab1).
12265 **empuxavante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Carde., Lago).
12266 **escofina** *s.f.* Tipo de lima de dentes grosos e triangulares que se utiliza para rebaixa-lo casco do gando bovino e equino. A nosa fonte escribe *cofina* e considerámolo un erro. Sospeitamos que aquí os colectores da información sumaron dous erros por inadvertencia: *cofina* por *escofina*, voz común en Santiago, e, ademais, por un salto de liña colocaron esta palabra como resposta á pregunta anterior "parte do pé da vaca recuberta polo pezuño". Consideramos que coa dobre corrección queda salvada a información orixinal. (Barre., Com4, Conxo, Neda, Oroso2, Poulo, Pre., Sende., Vala., Valad1, Vcova).
12267 **escraupo** *s.m.* Ver TRENCHA /12284. (Bar-Co).
12268 **espuxavante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Oroso2).
12269 **lima** *s.f.* Ver ESCOFINA /12266. (Borre., Cur., Lous.).
12270 **pexavante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Cal., Xun.).
12271 **pisaván** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Mez2).
12272 **pisavante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Razo).
12273 **pixavante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Cervá1, Ces., Leir-A, Pade., Razo).
12274 **plana** *s.f.* Instrumento para rebaixa-las unllas da vaca. (Com1, Conxo).
12275 **planadeira** *s.f.* Ver PLANA /12274. (Agro.).
12276 **poxavante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Com1, Incio, Laxe, Lous.).
12277 **pusavante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. A nosa fonte sinala que se usa pouco. (Dum.).
12278 **puxadeira** *s.f.* Ver PUXAVANTE /12281. (Vnova2).
12279 **puxante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Culle., Mosen., Nove2).
12280 **puxaván** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Gud., Meir., SComba).
12281 **puxavante** *s.m.* Coitela ou trencha para rebaixa-las uñas das vacas e bestas antes de ferralos ou para facerlles unha cura. (Caa., Cab., Ced., Com1, Cre., Dozón, Dum., Feás-A, Fri., Gud., Gui., Incio, Mel1, Mez., Mon., Mra., Nove., Ped1, Per., Porto, Ram., SComba, Vala., Ver1, Vil. ILG:111 (C:44, LU:30, OU:15, PO:21, GExt.:1)).
12282 **puzavante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. A nosa fonte escribe *puzabante*. (Carr-G).
12283 **tiravante** *s.m.* Ver PUXAVANTE /12281. (Viso1, Viso2).
12284 **trencha** *s.f.* Instrumento de carpinteiro utilizado para rebaixa-los cascos do gando vacún. (Antas3, Bidu., Caban., Callo., Calo, Carño2, Cur., Dum., Fol-C, Gaxate, Gui., Guil2, Noalla, Ortoño, PSeca, Rib-E, Ribe1, Rus, Samos3, Somo2, Verdu., Vmaior., Xeve).
12285 **trincha** *s.f.* Ver TRENCHA /12284. (Cam4, Sisán).
12286 ***tanaza** *s.f.* Ver *TENAZA /12287. (Cer., Cur., Lava., Pravio).
12287 ***tenaza** *s.f.* Instrumento de carpinteiro para rebaixa-los cascos do gando vacún. (Carño2, Corre., Negra., Rus, Sende., Verdía, Vmaior).

9.8.4. Descornar

12288 **desmochar** *v.* Serra-los cornos [a unha vaca]. (ERG).
12289 **desmouchar** *v.* Limárlle-las puntas dos cornos, ou cortarllos totalmente [ós animais que adoitan causar problemas]. (LG). .
12290 **escurnar** *v.* Quitarlle os cornos [a un animal]. Lémbrese que Ibias2 denomina *escurnón, -úa* o animal que é propenso a embestir. (Ibias1).
12291 **esmoucar 2** *v.* Descornar, quitarlle os cornos [a un animal]. (ERG, JMP).

9.8.5. O corno

O corno é o medio de defensa dun animal esencialmente pacífico e non carnívoro.

O enxeño humano encontroulle utilidade mesmo ós cornos do gando. Un dos usos foi o de convertelo en caixiña na que se leva a pedra de afiar cando un vai sega-la herba; outros foron o de utilizalo como buguina ou como vaso, como veremos na epígrafe 13.1.

12292 **aliara** *s.f.* Ver LEARA /12302. (Viana).

12293 **cabazo 1** *s.m.* Recipiente feito dun corno de vaca no que se leva a pedra de afia-la gadaña. *Cada segador leva ó cinto o cabazo coa pedra de afiar, sempre en auga* (Friei.:202). (Friei., Hermi., Raiaseca).

12294 **cachapa 1** *s.f.* Vaso ou corno onde se pon a pedra de afia-la gadaña ou fouciño. (ERG, LG, TMon2).

12295 **cachapo** *s.m.* Ver CACHAPA 1 /12294. "En el cinto [dos segadores] cuelga *el cachapo* [...], recipiente de metal o madera y, más frecuentemente, un cuerno de vacuno o vaina lleno de agua, donde se guarda *a pedra d'afiler*" (Ancares2:136). (Ancares2, VGR).

12296 **cacho** *s.m.* Ver CORNO 2 /12301. Rivas Quintas advirte que máis ben pronuncian *caxo*. (Porto1).

12297 **calabozo** *s.m.* Ver CABAZO 1 /12293. (Ped1).

12298 **copo** *s.m.* Corno ou recipente parecido no que o segador leva a pedra de afia-la gadaña. (Ardán).


12299 **corna 2** *s.f.* Ver CORNO 2 /12301. (Razo).

12300 **cornato** *s.m.* Ver CORNO 2 /12301. (Laza).

12301 **corno 2** *s.m.* Corno cheo de auga que se utiliza para garda-la pedra de afia-la gadaña. *Da vaca, ademais da carne e do leite, aprovéitanse os coiros para curtir, os cornos para tocar, para gardar as pedras de afiar, para a defensa contra as bruxas e mal de ollo, as sedas para as peneiras, o esterco para as terras e a súa forza para o xugo.* (XRMF1:34). (Común).

12302 **leara** *s.f.* Corno que o segador leva consigo coa pedra amoladeira en auga, para afia-la gadaña. (Lama-B, LG).

9.8.6. Outros conceptos



Vaca co *baldón* ó pescozo. (*Proxecto Galicia XXIV: Antropoloxía*).

12303 **anteollos** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver TAPAOLLOS /12311. (Morei.).

12303b **baldón** *s.m.* Pau que se lle colga do pescozo a unha vaca para que non corra. (AL3).

12304 **bóla 3** *s.f.* Peza de madeira ou de asta que se lle pon nos cornos ó gando que cornea. (Gun.).

12305 **bugalla** *s.f. Ú. m. en pl.* Bóla de madeira que se lle pon nos cornos ó animal vacún que truca. (Xun2).

12306 **cangalla 7** *s.f.* Trebello que lle colocaban ós becerros no pescozo para que non puidesen lambe-lo seu pelo. Estaba formado por catro paus en cadro, cos dous laterais máis anchos, e impedíalle ó animal torce-lo pescozo para lamberse o lombo, pois *criaban mal pelo*. (Noalla3).

12307 **canzurro** *s.m.* Taco cravado na parede da corte para coloca-lo xugo. (Fri.).

12308 **escaravello** *s.m.* Colar con dous buratos que se lle pon ó becerro para amarralo. Molga2 escribe *escarabello*. "Tablilla con dos agujeros en forma de ojales que forma parte del collar del ternero, en que se engancha la cuerda de prenderlo. Adopta la forma de un ocho". (Molga2).

12309 **gorgueira 3** *s.f.* Colar de animal vacún polo que se prende o animal. Úsase moito para os becerros. (Xun2).

12310 **prisión 3** *s.f.* Cadea que rodea a testa da vaca pola base dos cornos e que serve para conducila. (Gud5, Gud7, Raiaseca).

12311 **tapaollos** *s.m.* Taboíña que se lle suxeita ós cornos tapando os ollos ás vacas que teñen o costume de topar. (Morei.).

12312 **tauba** *s.f.* Táboa, de madeira ou cortizo, que se lle ata ós cornos da vaca para impedírlle-la visión frontal. (AL1).

12313 **trangallo** *s.m.* Pau que se lle pon ós becerros no pescozo para que non poidan mamar e, así, poder destetalos. (LG).

12314 **manta das vacas** *s.comp.f.* Manta de palla coa que se protexen da chuvia as vacas máis débiles (enfermas, paridas ou próximas ó parto). *Durante o inverno nas zonas frías da montaña, sobre todo ás paridas ou a punto de parir, cóbrenlle-lo lombo cunha esteira ou cunha manta das vacas, feita de palla ou de xuncas entretecidas*. (XRMF4:85).

12315 **abizcañar** *v.* Inquietar, molestar ou provocar [a unha persoa ou animal]. (Piquín).

12316 **acaloumiñar** *v.* Agarimar [o gando] pasándolle a man polo lombo. (ERG).

12317 **afustrighar** *v.* Pegar [a un animal]. (Gro1).

12318 **apouxar** *v.* Agarimar. *Hai que apoujala ben pra que se vaia afacendo* [a xata]. A nosa fonte escribe *apoujar*. (Mestre).

12319 **braguear** *v.* Agarrar pola virilla [unha res] para saber se está gorda. (Piquín).

12320 **dentar** *v.* Mirarlle os dentes [a unha res] para saberlle os anos. (Piquín).

12321 **encalamustrar** *v.* Zoscarlle [a un animal] que intenta trucar ou que non obedece. (LG).

12322 **escabardar** *v.* Asombrar ou atemorizar [o gando]. (Burón, Suarna).

12323 **esvoucear** *v.* Berrar co gado. *Tes ganas de esvoucear co gado. Sempre estás esvouceando co gado*. (Parade.).

12324 **paulear** *v.* Asombrar [o gando] pegando nel con frecuencia. (Ped1).

12325 **pouxir** *v.* Ver APOUXAR /12318. A nosa fonte escribe *poujir*. (Ful.).

9.9. A corte

O lugar no que o gando se recolle de noite é normalmente a corte, estancia que forma parte da casa tradicional, algunhas veces con entrada dende o interior da casa pero, en calquera caso, sempre adosada ó edificio no que se recolle tamén a xente.

9.9.1. O abeiro

Antes da corte hai un espazo cuberto no que se garda o carro, o arado, a grade e outros trebellos; onde se acolle o gando cando vai calor e por onde andan as galiñas ceibas.

12326 **boieira 4** *s.f.* Curral onde se recollen os bois. (ERG).

12327 **bostal 3** *s.m.* Curral de bois. (LG).

12328 **corrada 2** *s.f.* Especie de patio á entrada da casa. (AG-AO).

12329 **chozo** *s.m.* Cercado no monte para garda-las vacas ceibas de noite. (Ctel3).

12330 **quinteiro** *s.m.* Parte inmediata ó portal, por veces cuberta, p. ex. de parra, no que, cando fai calor, se prenden os animais. (Ardán, Grixó, Gro1).

12331 **porta carral** *s.comp.f.* Porta de dobre folla para que poida entra-la xugada co carro no curral. (Lim1).

Deñas véde-lo inferno
Alas un curral de vacas
vamos pra Santamariña
**ies la flor de las muchachas.* [1320]

[1320] SCHU4/2/255bis. Santamariña é lugar da parroquia de Xaviña, concello de Camariñas. Ignoramos a qué se refiren Alas e Deñas, quizais sexan lugares desaparecidos.

9.9.2. A estromeira

No curral por veces a choiva forma pozas e habitualmente éstrase con molime que permite pasar sen mete-los pés nas pozas e, ó mesmo tempo, vaise curtindo para formar esterco.

12332 **antullo** *s.m.* Ver ENTULLO /12336. (ERG).
12333 **cañeira 1** *s.f.* Capa de toxo ou estrume que se bota no curral ou no camiño fronte á casa para que se faga esterco. (ERG).
12334 **corrada 1** *s.f.* Ver CURRALADA /12335. (AG-AO, Piquín).
12335 **curralada** *s.f.* Capa de toxo, silvas, etc. que se bota no curral para facer esterco coa choiva e maila bosta do gando. (ERG).
12336 **entullo** *s.m.* Esquilme que se espalla diante da casa de aldea para que co paso e a chuvia se vaia curtindo. (ERG).
12337 **estrabo 3** *s.m.* Capa de toxo que se estende no curral para que se curta e faga esterco. MVN e ERG escriben *estravo* (tamén os dicionarios de Filgueira e de Carré). Supoñemos que *estrabo* procede de *stabulum* e, polo tanto, debe ser con be. Cfr. ESTRABO 2 /12384: *Un tipo de entrada na corte*, e ESTRABO 1 /12361: *Corte dianteira fronte por fronte da porta*. (ERG, LG).
12338 **estrado 2** *s.m.* Capa de toxo que se bota nos camiños para que se faga esterco. (Arzúa3).
12339 **estromeira** *s.f.* Ver ESTRUMEIRA 2 /12340. (Mede.).
12340 **estrumeira 2** *s.f.* Lugar diante da casa (por veces un camiño) onde se espalla toxo e outro mato como estrume para facer esterco. (ERG, JMP, Mede., MVN).

Dios sea loubado, que temos o curral ben estrado. (ERG:Dios)

Á túa porta, meniña,
á túa porta hai lama,
bótalle retraña verde,
bótalle verde retraña. [1321]

Moito tocas, moito cantas,
moito tóca-lo pandeiro;
ises son os becerriños
que che curten o quinteiro. [1322]

9.9.3. A corte como estrutura

Na gandería tradicional a corte foi un lugar central dentro da casa labrega. Alí, ademais de recollerse o gando pola noite e nos días desapracibles, durmían as vacas; alí nacían os becerros; alí muxíanse as vacas; alí producíase a primeira compostaxe que se convertería en fertilizante dos campos; alí había sempre unha calor animal que facía habitable a casa toda. Alí, trala limpeza pertinente, reuníase a mocidade para os fiadeiros que sempre tiñan canto e baile e, tirado o candil por un bailador habilideiro e pícaro, convertíanse en ocasión de maiores aproximacións xuvenís.

A estabulación moderna é moito máis hixiénica e ventilada, con mecanismos de drenaxe do xurro e limpeza automatizada, con separación clara de zonas para a comida e a bebida, con zonas altamente controladas para a muxidura e con separación de idades, de vacas parideiras e mesmo de vacas en cuarentena. Todo está mellor e as vacas, aínda que parecen estar máis presas, marcan entre elas con total rigor a súa xerarquía.

Das cortes tradicionais escribía Otero Pedrayo [1323]:

> *As cortes representan en menor escada a feitura das casas antergas. Sempre estradas (de estrume, palla, fentos, asegún as necesidás), baixas, de piso fondo e alumeadas por bufardas. As millores cóbrense de barras pra herba, palla e leña. Dispoñense baixo da casa, arredor do curro ou fora d'il. As fiestras e bufardas franqueanse pol-o regolar ô aire norte pra refrescare o gando nas noites de vrán. Gárdase n'elas o carro cando non hai bó pendello; algunhas son as vellas porciós tarreas da casa. Pr'os porcos reservanse os cortellos mais escuros, baixos e abrigados; a millor acostuma a ser pr'a mula ou faco, caso pouco frecoente, e pra xugadas*

[1321] Capela.:196: *tua*. ERQ3 é o único que explica que *retraña* é unha variedade de *retama*, é dicir, xesta propia de Laza.

[1322] LimiaB:104 explica que o *quinteiro* ou *quintairo* "é un anaco de camiño que queda dediante da casa e que se ten estrado con toxos para que a facenda os vaia curtindo prós convertir en esterco". Pero JASA:121,814 (que DBP:2321 recupera e localiza en Entrimo) non di *quinteiro* senón *tinteiro*. JASA (que morreu en 1881) é fonte anterior a LimiaB (que recolleu antes de 1933 e que publicou en 1973) pero aquel *tinteiro* resulta estraño, porque o significado habitual é o de recipiente para a tinta ou, secundariamente, armazón con buratos para introducir e fixa-los paus da vela da gamela. Queda a remota posibilidade de que se refira a actividades coma as que en tempos puido haber no lugar do Tinteiro (barrio do Pino en Ourense), onde augas quentes e lodas puideron ter algún tipo de utilización curtidora. No texto *tocalo* (LimiaB); *toca-lo* (JASA).

[1323] ROP1:97-98.

de bois. A abenza acougase misturada c'o burro e c'as vacas; as veces en cortellos feitos de palitrocadas nas mesmas coadras grandes.

E Fernández Oxea [1324] escribía:

O gando é algo tan consustancial na vida do labrego que a súa eisistenza vai ligada ca dos animaes domésticos, e pra maior comodidade procura telos preto de sí, pra facilitar todalas angueiras do acomodo e vixianza. Por esto as cortes ocupan decote a planta baixa das casas de dous corpos, e nelas gárdase a facenda xuntamente co carro: o millor lugar da corte resérvase pra as bestas, si as hai, que é pouco frecuente, sinón, pra os bois e, si tampouco os houbese, pra as vacas. O carro ten tamén lugar preferente e prós porcos resérvase sempre o cortello que esté debaixo da cociña.

As casas pequenas de unha planta adícanse esclusivamente a cortes, gardando nelas a facenda que non cabe nas da casa, que casi sempre é a avenza. O piso das cortes está decote cuberto de estrume, que sirve tamén de cama pra o gando. Toda a luz que hai nas cortes entra polas portas e, nalgús casos, hai pequenas bufardas que se tapan con pedras. Pra arredalo gando fanse divisións de madeira ou simplemente palitrocadas; o cortello dos porcos é o único feito con paredes de pedra. Os pesebres son de madeira e as pías dos porcos de pedra.

12341 **boedo 1** *s.m.* Corte na que se recollen os bois. Tamén é topónimo, aínda que de significado escuro. (ERG).

12342 **bostal 2** *s.m.* Corte. (JSG).

12343 **cabazo 2** *s.m.* Construción que ten unha planta baixa utilizada como corte e outra para almacena-lo gran. (Suarna).

12344 **cadrumela** *s.f.* Corte, cortello. No barallete. (Morei., XCC).

12345 **carbaliza** *s.f.* Corte dentro da casa para o gando maior. En Salg. chámanlle *corte* se está separada da casa. (Salg.).

12346 **carballiza** *s.f.* Ver CARBALIZA /12345. (LG).

12347 **cobellada** *s.f.* Conxunto de construcións vellas, sobre todo cortes. (Nove.).

12348 **cortaduría 2** *s.f.* Cortello para garda-la facenda. (TCha.).

12349 **corte 1** *s.f.* Lugar cuberto e pechado onde se recolle o gando polas noites ou cando as inclemencias do tempo non lle permiten saír a pastar. A vogal tónica neste caso é pechada. Pintos escribe *côrte*. ERG recolle tamén o diminutivo apreciativo *cortiña*. Estas cortes frecuentemente estaban integradas na vivenda e situábanse na parte baixa e a carón da lareira, servindo de calefacción ós cuartos superiores e, por veces, de depósito das dexeccións humanas. Nas casas de máis gando, había cortes exteriores adosadas á casa. Na fin do século XX, co abandono masivo da gandería, as cortes interiores fóronse convertendo con frecuencia en salón onde estar reunida a familia, xantar nos días de festa e, acotío, ve-la TV. Na casa tradicional galega é parte fundamental da vivenda pero actualmente son sempre edificacións exentas. (Común).

12350 **corte 5** *s.f.* Tellado. Forno. Úsase nas adiviñas. (PM:261).

12351 **corteduría** *s.f.* Ver CORTADURÍA 2 /12348. (TCha).

12352 **cortello** *s.m.* Corte para os becerros. Se ben o nome de *cortello* adoita utilizarse para o lugar onde se gardan os porcos, e así o recolle o *Glosario de voces galegas de hoxe*, de Constantino García, e outras fontes como común, tamén se aplica para o espazo reservado especificamente para os becerros. Así o definen os nosos informantes en Pantón, Melide e nos Ancares: *O resto [das divisións interiores da palloza] é o 'riqueiso' ou 'cortellos' ('currelos' en Balouta) para os 'cochos' [...] e os 'xatos' e 'xatíus' (máis pequenos)* (Ancares:216). Xaquín Lorenzo explícano-lo seguinte: *Nado o xatiño, déixase mamar da nai os primeiros días, mais logo métese no cortello, división de madeira feita na corte, e somentes se deixa ir onda a nai cando convén*. Unha explicación semellante podemos ler en XRMF4:88. Tamén queda recollido no refraneiro: *Antes de compra-lo becerro, face-lo cortello*. E noutras fontes toma este significado para os animais adultos: *A boi vello non lle mudes o cortello*. (Ancares, Ancares2, ERG, Gro1, Gud7, Mel2, Pantón, XLF, XRMF4).

12353 **crabaliza** *s.f.* Corte. (Muxía1).

12354 **cuadrumela** *s.f.* Ver CADRUMELA /12344. (Morei.).

12355 **curral** *s.m.* Refuxio cercado para o gando. "Las dependencias destinadas a morada del ganado reciben los siguientes nombres: *curral* o *corte*, y *cortello* cuando es de tamaño reducido" (Gud7:51). (Gud5, Gud7).

12356 **delorte** *s.f.* Corte. Na verba dos arxinas. (CHG).

12357 **estabre** *s.m.* Ver ESTABRO /12358. (Oirós).

12358 **estabro** *s.m.* Corte. Eladio Rodríguez cita a Couceiro Freijomil na obra *El Idioma Gallego*. (ERG, VLLM).

12359 **estábulo** *s.m.* Ver ESTABRO /12358. *Na disposición e arranxo das cortes ándase ainda pol-o*

estilo tradicional sen que coñezan siquera os estábulos modernos de piso encostado e impermeabele, nin os estercoleiros de chan de cemento e con canlle derredor (Velle1:135). (ERG, LG, Velle1).

12360 **estala** *s.f.* Ver ESTABRO /12358. (LG).

12361 **estrabo 1** *s.m.* Corte dianteira fronte por fronte da porta. Eladio Rodríguez, co significado de "establo", escríbeo con uve. (AIA).

12362 **estrabariza** *s.f.* Ver ESTREBARIZA /12363. *Nas pallozas reservan para cortes -que nos Ancares denominan 'estravarizas' (palabra derivada de 'estravo' ou estrume con que se estra a corte)- o nivel máis baixo da única planta*. Escribimos con be esta voz e as variantes por consideralas derivadas do latín *stabulum*, coma a anterior *estrabo*. (XRMF4:83).

12363 **estrebariza** *s.f.* Apartado destinado á vaca na corte. ERG e LCA1 localízana nas pallozas do Cebreiro. LG escríbeo con be. *Anque as pallozas contan cunha parte dedicada a corte do gando -a 'estrevariza'-, aínda así algúns veciños tiñan animais nos palleiros ou -xa menos- posuían construccións destinadas exclusivamente a cortes* (Ancares:317). [Na estrevariza] *Aquí acóllese o gando, tanto as vacas como algunha 'facenda' (ovellas e cabras), polo que adoita contar con varios compartimentos, separados por 'trabaos' baixos de táboas. [...] A porta de entrada é ancha, para que pase o gando vacún* (Ancares:218). (Ancares, ERG, LCA1, LG).

12364 **estrebeira** *s.f.* Parte da corte onde se moxe a vaca. *A vaca de boa teta véndese na estreveira*. (VLLM).

12365 **subreiro** *s.m.* Conxunto de cortes. (San.).

12366 **tarbea** *s.f.* Corte grande. LG di que é máis ben o espazo principal da corte. (LCA2, LG).

12367 **tarbela** *s.f.* Ver TARBEA /12366. (ERG, LG).

12368 **vacariza 2** *s.f.* Corte de vacas. (ERG).

12369 ***coadra** *s.f.* Corte. *A palla [...] gárdase nas barras das coadras pra vianda do gando* (ROP1:51). *Outro nemigo é o fento que pol-o frío nin é doado pra cama das coadras* (ROP1:52). *Muxen de medo os bois nas coadras* (RC2:152, *Lume no pazo*). (RC2, ROP1, VLLM).

12370 ***cuadra** *s.f.* Corte. ERG aplícao exclusivamente ó gando cabalar. *Era unha casa moi grande cos millores eidos do val. Tiña cinco grandes balcós na parte dianteira. Había un curro pechado a mao direita, ondia estaban as cuadras i os cuartos dos criados* (Cou3:44). (Com1, Cou3, Cur., Gro1, Gud., Gud5, Mra., Valad1).

12371 **corte dos becerros** *s.comp.m.* Corte de pequeno tamaño. (Parade.).

12372 ***cuadra secana** *s.comp.f.* Corte ou establo moderno que ten o piso de cemento cun sistema de drenaxe e sen molime e esterco. *Aghora non hai qu'ir ós toxos ó monte pa botar as cuadras das vacas porque teñen as cuadras secanas*. (Vboi.).

12373 **corte de ferro** *loc. s.* Tixola. Úsase nas adiviñas. Paco Martín tamén utiliza a forma *cortiña de ferro*. (PM:347, PM:681).

12374 **corte moura** *loc. s.* Tixola. Úsase nas adiviñas. (PM:264).

12375 **estar feita unha goldra** *loc. v.* Estar [unha corte] feita unha lameira, haber nela moito xurro. Aníbal Otero dá como lema *goldra*. Ver GOLDRA 1 /5940 no capítulo 6. Aníbal Otero, s.v. *goldra*, indica que localiza esta voz en *Veiga de Taboada*, que supoñemos que é o que el adoita denominar *Vilar de Taboada* (Silleda), xa que non encontramos ningún lugar con ese topónimo e el mesmo tampouco o cita no índice de topónimos que ofrece no final da súa obra. No índice de informantes xa explicamos que non hai en Silleda ningún lugar que se chame *Vilar de Taboada* e hai, en cambio, dúas parroquias estremeiras que son *Vilar* e *Taboada* que nós localizamos coa sigla *Tab*. (Tab).

12376 **estar feita unha latrina** *loc. v.* Estar [unha corte] mal estrada e con mala drenaxe, estando, polo tanto, chea de xurro. Aníbal Otero dá como lema *latrina*. (Grixó, Piquín).

12377 **parecer un chiqueiro** *loc. v.* Estar [a corte] chea de zudre. *Chiqueiro* é un pozo nunha corrente de auga. (Ctel1).

A boa vaca de leite na corte se vende. (VLLM:1,156) [1325]
A vaca de boa teta véndese na estrebeira. (VLLM:1,156) [1326]
A vaca de boa teta vese na estrebeira. (VLLM:1,157) [1327]

[1324] Morei.: 153.

[1325] Llópiz explica que é porque a sona que colle de dar bo e moito leite fai que veñan moitos a querer mercala xa na corte. Recólleo na Ponte do Arcediano, onda Melide, de A. G. Gayoso.

[1326] Llópiz explica que a *estreveira* é o lugar da corte onde se moxen as vacas: alí a vaca que é boa encherá a canada do leite. Recólleo tamén de A. G. Gayoso, na Ponte do Arcediano. Escríbeo con uve.

[1327] Llópiz di que é máis cabal este refrán que aqueloutro *A vaca vese na estreveira*: a calidade da vaca vese no momento de muxila, polo leite que dá. Recólleo tamén de A. G. Gayoso. Escríbeo con uve.

A vaca vese na estrebeira. (VLLM:1,131) [1328]
A boi vello non lle mudes de corte. (UCA2:39)
A boi vello non lle mudes de cortello. (VS) [1329]
A boi vello non lle mudes o cortello. (UCA:36.18; ZM:16; VS) [1330]
Ao boi vello non lle mudes a corte. (VLLM:1,129) [1331]
Ó boi vello non lle búsque-la corte, que xa che dará el coela. (ERG:boi) [1332]
Antes de compra-lo becerro, face-lo cortello. (JASA:330; JASA2:341; JASA3:217; EAG:9) [1333]
Antes de compra-lo becerro, facerlle o cortello. (UCA2:24; PdM:28) [1334]
Antes de merca-lo becerro, facerlle o cortello. (VLLM:2,3; ZM:79) [1335]
Antes de merca-lo becerro, fai o cortello. (ERG:becerro) [1336]
Ao cheiro da presa a vaca brúa/brada na estrebeira. (VLLM:1,129) [1337]
Cando Galo chega, os bois na corte se estean. (VLLM:1,137) [1338]
Cando marchan os bois, baléirase a corte. (VLLM:1,138) [1339]
Cando saen as vacas, baléirase a coadra. (VLLM:1,138) [1340]
Cando saen as vacas, límpase a coadra. (VLLM:1,138) [1341]
Cando saen os bois, a corte baleirou. (VLLM:1,138) [1342]
Cando saen os bois, límpase a corte. (VLLM:1,138) [1343]
Cando saen os bois, péchase a corte. (VLLM:1,138) [1344]
Onde non hai bois, limpa estará a corte. (VLLM:1,148) [1345]
Díate Dios corte e cortello e ovellas e bois pra enchelos. (VLLM:2,87) [1346]
Gando na corte, pouco leite e queixo forte. (Camb1:47; Castre.; AdC:25; XTC4; VS) [1347]
Haiche máis avogados en Galicia que zapateiras nunha corte. (XFR2:49) [1348]

1328 Llópiz recólleo na Ponte do Arcediano (Melide).

1329 Comenta VS que *No es fácil desarraigar añejas costumbres. Se dice lo mismo de las personas: 'al viejo, múdale el aire y te dará el pellejo'*. Engade o seguinte equivalente castelán: *Al buey viejo, múdale el pesebre y dejará el pellejo* (Sbarbi).

1330 ZM: *de cortello*.

1331 Llópiz di que o recolle de E. Carré (*A Nosa Terra* 1908) que realmente di *A boi vello non lle mudes de corte*.

1332 ERG: *búsquela, él co ela*.

1333 No texto: *compral-o, facel-o* (JASA2, JASA3, EAG).

1334 No texto: *compral-o* (UCA2); *compral-o, facerll'o* (PdM); *compral-o becerro* (VS). Comenta Saco: *Regla prudente, cuya observación preservaría de muchos fracasos*. Así, en castelán*: Antes que cabras, corral*.

1335 No texto: *mercal-o* (VLLM); *Denantes, mercar o* (ZM).

1336 ERG: *mercalo*.

1337 Llópiz recólleo en Sarria de L. Páramo, e explica que *presa* é a ración de penso do pallal que polo inverno se lles dá ós bovinos estabulados; que *estreveira* é un departamento nas cortes onde se moxen as vacas; e que *bradar* é bruar forte.

1338 Llópiz explica que *Galo* se refire a san Galo que con san Florentino festexámo-lo día 15 de outubro, data na que en Galicia adoita empeza-lo outono húmido e frío que impide os traballos do campo.

1339 Llópiz: *valéirase*; recólleo de B. Andrade, prof. vet. Este refrán parece tautolóxico pero non o é porque outros paralelos permiten saber que aconsellan en tal ocasión tira-lo esterco da corte.

1340 Llópiz: *valéirase*; recólleo de Vidal Lois, en Lugo.

1341 Llópiz recólleo de J. Vidal Lois, en Lugo.

1342 Llópiz: *valeirou*; recólleo en Abadín.

1343 Llópiz recólleo de J. Vidal Lois, en Lugo.

1344 Llópiz explica isto de pecha-la corte como medida preventiva para os que custodian a corte. Recólleo de J. Vidal Lois.

1345 Llópiz: *ai* (sic); recólleo en Vide (Celanova).

1346 Llópiz: *prá enchel-os*; recólleo na Gudiña, onde existe unha área de teísmo, como reflicte o refrán; inexplicablemente define unha palabra que non está no refrán: trátase de *petisco* (redil, aprisco).

1347 AdC e VS: *pouca leite*.

1348 Denomínase *zapateira* un coleóptero negro e relucente que se cría nas cortes. Esmagado fede (*fedevellas*) e escorrega polas pozas facendo trazos coma o escribán. Coas reservas habituais ante unha descrición tan pouco explícita, o refrán pode facer referencia a uns coleópteros da familia *Tenebrionidae*, integrados no xénero *Blaps* e ós que se agrupan baixo a denominación máis común de *cascudas*. Trátase de especies robustas (de ata 4 cm de lonxitude), de cor negra algo brillante e de condutas sinantrópicas (que viven en estreita relación co home), polo que é habitual atopalas nas cortes, nas casas rurais, tobos de mamíferos e, en xeral, en lugares cálidos con humidade constante e ricos en materia orgánica. Estes insectos son inofensivos para o home pero no extremo do abdome teñen unhas glándulas que segregan unha substancia fedorenta, probablemente para facer fuxir os potenciais predadores e, se cadra, para atrae-los conxéneres. Efectivamente, cando alguén os esmaga, desas glándulas sae a substancia responsable do cheiro. Pode verse unha imaxe da especie máis frecuente en Galicia (*Blaps lusitanica* Herbst, 1799) en http://www.galerie-insecte.org/galerie/image/dos6/big/blaps.jpg [27.04.2009].

Máis val na corte que arresponsado. (JASA:343) [1349]
O gado vale máis na corte que arresponsado. (VS)
Mal lle vai á corte cando o boi vello non tose. (ERG:boi; VLLM:1,143) [1350]
Mal lle vai á corte onde o boi teixo non tuse. (VLLM:1,143) [1351]
Mal lle vai á corte onde o boi vello non tose. (ZM:129; VS)
Mal vai a corte do boi vello non tose. (FBB:226; VS) [1352]
Mal vai á corte, onde o boi vello non tose. (EAG:19; JASA:343; JASA2:373; JASA3:223; UCA2:44) [1353]
Merenda na arca, vaca na corte. (SCD)
Non penses na cortella antes de ter a vaca. (VS4)
O boi na súa corte de seu se delambe. (Carte.) [1354]
O monte montea, e a corte cortea. (Lim5)
Polo san Servando repousa no cortello o gando. (VS) [1355]
Sexa boi, sexa vaca, na casa naza. (VS) [1356]
Sexa boi, sexa vaca, na corte naza. (VS) [1357]
Si a fame entra pola cuadra, mal lle vai ós de arriba. (XTC4) [1358]
Tarde ou cedo o gando vai prá corte ou pró cortello. (ERG:gando)
Tódolos santos, bois polos estabros. (VLLM:1,153) [1359]

E agora vexamos unhas máximas de Jacinto del Prado:
Convén a todo ganado estabro moi ventilado. (VS)
Cos animás a forza de limpeza, daranlle ó labrador moita riqueza. (VS)
Ganados limpos e ben aloxados, en moita parte están cuidados. (VS)

As meniñas da Devesa
son vellas, non van á misa;
quedan na corte do gando
roendo palla 'moída'. [1360]

As mociñas do Araño
mentras os máis van á misa,
quedan na corte coas vacas
rillando palla maísa. [1361]

En unha granxa de porcas
que hai un establo de vacas
ten dous noveliños bos
para que toureen as rapazas. [1362]

1349 No texto: *c'arresponsado*. Saco explica que sempre é mellor te-lo gando na corte, sen sacalo ó pasto, que, unha vez perdido, ter que reza-lo responso a san Antonio para atopalo. Ver nota a *Garde a vaca san Antón...* no capítulo 12. *Crenzas e supersticións*.

1350 Llópiz: *á*; cita a var. que está no *Catálogo de prov.* de Pedro Vallés: *Mal lle vai á corte onde o boi teixo non tose*. A tose aquí aparece en sentido figurado como símbolo da autoridade: pode *tusirlle a alguén* quen ten autoridade para facelo. Lémbrese o refrán *Onde o home tose, a fame foxe* (ZM:188) ou a descrición que nos dá Neira Vilas: *Un rapaz da aldea. Coma quen di, un ninguén. E además, probe. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa* (XNV:25).

1351 Llópiz: *vá* (sic); corriximos *va* por *vai* xa que ten tódalas trazas de non ser refrán galego: Llópiz di que o recolle do *Catálogo de prov.* de Pedro Vallés.

1352 FBB engade: '*Do', arcaísmo por 'donde'. Murguía lo restituye modernizándolo*. VS: *va, buey*. Saco comenta: *Recomendando el gobierno de los experimentados*, e ofrece estes equivalentes: P.: *Mal vai à corte onde o boi velho tosse* (Chaves); E.: *Mal va a la corte donde el buey viejo no tose* (Correas), *Mal va a la corte donde el viejo no tose, Mal va a la troje donde el buey viejo no tose*.

1353 No texto: *â corte* (JASA2, JASA3); *a corte, tuse* (UCA2).

1354 Ben está. Significado distinto dos semellantes *O boi solto ben se delambe*, porque aquí o que explica ese benestar é o estar no propio territorio.

1355 VS recólleo de *O Gaiteiro de Lugo*, 1961. San Servando é o 28 de outubro.

1356 No texto: *sea*. VS comenta: *Están afeitos as herbas*.

1357 No texto: *sea, nazca*.

1358 Na casa tradicional galega, a planta baixa estaba ocupada, en todo ou en parte, polas cortes, e sobre elas estaba a vivenda propiamente dita.

1359 Llópiz: *Todos-os*, *pol-os*; explica que por esta época pouco teñen que face-los bovinos polos campos; recólleo de F. Lanza (Ribadeo).

1360 DBP:1259. Copiámo-la cantiga como aparece na nosa fonte pero o propio Domingo Blanco, que recolle esta cantiga de dous textos distintos de José Casal y Lois, engade en nota a rodapé que nun deles lese *maíza* e que no outro tamén podería ser, *pois presenta unha lectura moi difícil*.

1361 Coto2:35. O Araño é parroquia de Rianxo pero a cantiga recolleuse en Cotobade, como se recolleron na Limia Baixa outras que mentan lugares da beira do mar.

1362 SCHU1/2/276bis. No texto: *qu'hai, tén.*

San Antonio gharde o ghando
ghárdame a miña beserra
que está na corte berrando. [1363]

Teño unha vaca na corte
que me dá leite marelo,
pra ti falares comigo
*tenche o merlo pouco *vuelo.* [1364]

Atrás daquel coto
hai un boi xoto;
non hai home nado nin por nacer
que na corte o poda meter. [1365]

Atrás daquel coto
hai un boi xoto;
non hai home nado nin por nacer
que na corte o poda meter
e, cando el quere, métese. [1366]

Atrás daquel horto,
hai un boi torto;
non hai home nado nin por nacer
que na corte o poda meter. [1367]

Atrás daquel valado
hai un touro bravo;
non hai home nado nin por nacer
que á corte o poda traguer. [1368]

Dous bois nunha corte de ferro,
se lles botan graxa, andan,
e, se non, alí están quedos. [1369]

Dous xatos marelos
nunha corte de ferro. [1370]

No monte nace,
no monte se cría
e leva os bois
á corteduría. [1371]

Nunha corte de ferro
hai dous xatos marelos. [1372]

Nunha corte de vacas rubias
entra unha moura e bótaas fóra. [1373]

Nunha corte de vacas rubias
entra unha moura e botounas todas fóra.[1374]

Nunha cortiña de ferro
hai dous bois marelos. [1375]

Por detrás daquel coto
vén un boi xoto;
e non hai home nacido nin por nacer,
que á corte o poida traguer. [1376]

¿Que haberá que facer pra sacar vaca e
media dunha corte? [1377]

Unha corte chea de vacas rubias,
vai unha negra e tórnaas todas. [1378]

Unha corte de vacas brancas
e, polo medio, a encarnada. [1379]

1363 SCHU1/2/283, SCHU4/2/886. No texto: *ghard'o, ghárdam'a miña, qu'está*.
1364 Lama2:131.
1365 O sol. PM:91, APG:133.
1366 O sol. PM:91.45.
1367 O sol. PM:91.45.
1368 O sol. PM:90. No texto: *balado*.
1369 Os ovos na tixola. PM:347.
1370 Os ovos na tixola. PM:355, APG:120.
1371 A aguillada. TCha:99. PM:652.
1372 Os ovos na tixola. PM:355.190.
1373 O varredoiro do forno e mailas brasas. APG:122.
1374 O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.140.
1375 Os ovos na tixola. PM:681.
1376 O sol. PM:91.45, ANV1:109, APG:134, Gud5:33. No texto: *ven, nado* (PM); *ven* (APG); *d'aquel, ven*, *n'hay, â corte* (ANV1); *de aquel, ven, n-hai* (ANV5).
1377 Prende-la media ó rabo da vaca. PM:809.
1378 O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.140.
1379 Os dentes e maila lingua. PM:262.

Unha corte de vacas marelas,
cando mexa unha, mexan todas elas. [1380]

Unha corte de vacas tolas,
cando mexa unha, mexan todas. [1381]

Unha corte de vacas vermellas,
entra un boi mouro e corre a todas elas. [1382]

Unha corte moura
con dous bois brancos. [1383]

O cura e a rapaza [1384]

Érache un cura que quería estrear unha raparigha. E entón hasta levou unha neniña noviña pá casa, pa criada. Efectivamente, alá a criou, alá a mantuvo, e cando a nena xa tiña os seus quince anos ou casi, que xa servía, díxolle:

- *Mira, hoxe vaste deitar na miña cama que vamos sacar un alma do purghatorio.*

E alá vai, e efectivamente.

- *¿Señor cura, e isto é quitar un alma do purghatorio?*
- *¡Si, miña rapariga, si!*
- *¡Ai, cantas levo sacado eu e mais o sacristán na corte dos bois!*

9.9.3.2. Divisións, departamentos

12378 **apartado** *s.m.* División da corte. (Razo).

12379 **inlleira** *s.f.* Apartado da corte a carón da cociña onde están os becerros. (ERG, LG).

12380 **riqueiso** *s.m.* Cortello, división menor das pallozas para os porcos ou os becerros. *O resto [das divisións interiores da palloza] é o 'riqueiso' ou 'cortellos' ('currelos' en Balouta) para os 'cochos' ('porcos', 'guaxíus') e os 'xatos' e 'xatíus' (máis pequenos)*. (Ancares:216).

12381 **tapadeira** *s.f.* División dentro da corte. *O cura, ás veces, ata dormía na tapadeira dunha vaca*. (Alais).

12382 **veirón** *s.m.* División que se fai nun recinto, coma tal, dentro da corte. (Drago.).

12383 **canto da vaca** *s.comp.m.* Lugar no que se acomoda a vaca. Ver, a pesar de todo, a nota a CANTO 1 /12647. *As vacas na corte teñen cada unha a súa prisión e canto, amarradas polo cabestro ou cadea á parede co presebe onde bota-lo verde e a herba seca* (Friei.:198). (Friei., Xun2).

9.9.3.3. A porta

12384 **estrabo 2** *s.m.* Tipo de entrada na corte que a nosa fonte non especifica. (Com1).

12385 **postigueira** *s.f.* Porta abatible para baixar ás cortes. (Suarna).

9.9.3.4. Os tabiques

12386 **barganzo** *s.m.* Valado que divide a corte. (Vala.).

12387 **portegaza** *s.f.* División dunha corte. (Xove).

9.9.3.5. As ventás

12388 **badrinela** *s.f.* Claraboia na corte para que entre o aire. (Per.).

12389 **fachinelo** *s.m.* Ver FUCHINELO /12390. (Arcos).

12390 **fuchinelo** *s.m.* Bufarra pequena que ilumina a cortes dos animais. No inverno tápase con palla para que non entre o frío. (Arcos).

12391 **enfentar** *v.* Tapar con fentos [os ventanucos da corte] para protexe-lo gando do frío no inverno. (ERG).

[1380] As tellas. PM:263.
[1381] As tellas. PM:263.141.
[1382] O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.
[1383] Os ovos na tixola. PM:264, APG:166.
[1384] CNC:401-402. Recollido en Nigrán, Pontevedra, de Manuel Carou, de 72 anos de idade en 1998.

9.9.3.6. A prisión do gando

12392 **amarradoiro** *s.m.* Ver PRISIÓN DO GADO /12399. (Lim6).
12393 **atadoiro** *s.m.* Gancho, arandela de ferro na que se ata a corda do gando. (ERG).
12394 **gadaño 1** *s.m.* Ferro ó que se atan na corte as vacas. (Com1).
12395 **preseira** *s.f.* Atadura do gando na corte. (Prado).
12396 **presión** *s.f.* Ver PRISIÓN 1 /12397. (Vil.).
12397 **prisión 1** *s.f.* Corda ou gancho de ferro para ata-las vacas na corte. (Gud., Lim1, Raiaseca, Ver1, Xun2).
12398 **prisión 2** *s.f.* Lugar da corte onde se ata a vaca. (Mez.).
12399 **prisión do gado** *s.comp.f.* Pedra en forma de corno, espetada nunha parede á que se amarraba a corda do gando, que así quedaba prendido. Incluímos aquí esta voz (e mais a sinónima *amarradoiro*) por ter recollido voces moi próximas con este significado noutras fontes, pero existe en Galicia unha discusión verbo dunha peza atopada no Castro de Saceda e depositada hoxe no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense da que se dixo que era unha *prisión do gado* e hoxe discútese se o é ou se, máis ben, é o pé da escultura dun soldado castrexo, ou mesmo se é un *corniculum*. Por iso nos parece axeitado reproduci-la opinión de Rivas Quintas (Lim6, pp. 95 e 100): *Outro ouxeto frecuente no Castro de Cerdeira son as nalgún tempo chamadas 'prisións do gado' ou 'amarradoiros'. Que iban metidas na parede vese ben polo rebaixe que a unhos vinte cms. da volta se nota. Non eran amarradoiros da facenda por non seren prácticos; pro caso moito millor lle era un estacón como se fai hoxe. Ademais, nos pardiñeiros do que foi outrora Pompeia, en Italia, atópanse moreas. Pompeia non era mesmamente cidade agrícola e ganadeira ó tempo dos románs, senon grandemente militar. Tampouco serviron de colgadeiros pro servicio da casa, cousa que faguía millor, coma o de prendé-lo, gado* [sic], *calquera baloco ou moca de madeira. Pra seren mazarelos de almofariz non servían pola feitura e grandor. Ó noso ver son os 'cornicula' de que fala Tito Livio. O 'corniculum' era unha clase de mercede que nas lexións románs se daba a aquiles soldados que tiñan grandes merecementos polo seu ardimento na loita. Dábanlle un ouxeto imitando on corno, símbolo da mercede e degráu militar. É ouxeto, pois, romano; cada soldado coíl favorecido, púñao ben visíbel de espeto na parede da casa, e canto máis 'cornellos' mellor. Eso é tamén o que pensa X. Ferro Couselo* (*Boletín Auriense* 1,1970,302). (Lim6).

9.9.3.7. A zudreira

12400 **agoeiro** *s.m.* Ver ANGOEIRO /12402. (ERG).
12401 **aguaneiro** *s.m.* Ver ANGOEIRO /12402. Por entrar e saí-los gatos por el, chámase tamén *gateiro*. (Parade.).
12402 **angoeiro** *s.m.* Burato na parede da corte por onde entran ou saen os zurros. (ERG, LG).
12403 **angüeiro** *s.m.* Ver ANGOEIRO /12402. (ERG).
12404 **arbañal** *s.m.* Burato na parede da corte para que saian as augas residuais. "Por último, las aguas de la *corte* o *cortello* salen por la *gacheira* o *arbañal*". (Ancares2:67).
12405 **gacheira** *s.f.* Ver GATEIRA /12406 e comentario a ARBAÑAL /12404. (Ancares2).
12406 **gateira** *s.f.* Burato por onde escorre o xurro das cortes. ERQ di que é voz común pero que en Xun2 é tamén rego de auga. (ERG, Xun2).
12407 **xorreira** *s.f.* Ver ZURREIRA /12410. (Gro1).
12408 **zudreira** *s.f.* Ver ZURREIRA /12410. (ERG).
12409 **zudreiro** *s.m.* Ver ZURREIRA /12410. (ERG).
12410 **zurreira** *s.f.* Burato por onde sae o zurro dunha corte. (ERG, Feás-A, Fri., Gui., Palas3, Sob.).

9.9.4. A cama

Na gandería tradicional os bovinos deitábanse nunha estradura feita con molime, é dicir, xesta, codeso, fento, toxo, palla e a herba que, por manchada, as vacas non comen. Todos estes materiais vanse buscar ó monte onde se roza ou esquilma e tráese en carros: esta operación chámase *ir rozar, ir esquilmar, ir ó toxo* ou simplemente *roza* ou *rozada*.

Todo esa estradura, mesturada cos ouriños e bosta dos animais, acaba facendo esterco que periodicamente se saca e substitúe por outra estradura limpa e aquela amoréase na esterqueira para que fermente e no seu día se utilice para fertiliza-los campos.

O toxo bravo ou arnal usábase para queimar, para quenta-lo forno do pan e tamén pra estra-la base das cortes despois de saca-lo esterco, botándolle por enriba unha capa de toxo molar, máis brando e suave, que facía de cama do gando. [1385]

Na gandería moderna, coas vacas estabuladas permanentemente en cortes co piso de cemento, a cama non se deixa fermentar e debe renovarse con frecuencia, retirando a bosta diariamente, para que estea sempre limpa, branda e seca. Deste xeito evítanse infeccións no ubre, problemas nos cascos e chans esvaradizos.

12411 **andanza** *s.f.* Brazado de molime para estra-la corte. *Hai que lle botar unha andanza de toxos á corte*. (Parade.:45).

12412 **arxe** *s.m.* Estrume. (Arzúa3, ERG).

12413 **baluma** *s.f.* Ver BALUME 1 /12415. (Dum.).

12414 **balumada** *s.f.* Morea de balume ou estrume para lle face-la cama ó gando. (Cang1, Dum., PAre1, Toba).

12415 **balume 1** *s.m.* Conxunto de toxo, palla etc. co que se lle fai a cama ás vacas na corte e que despois será o esterco. (Cang1, Com1, Corc1, Poio2, Saln3, Toba).

12416 **batume 1** *s.m.* Ver BALUME 1 /12415. (Cab., Razo, Sardo., VLLM).

12417 **bolume** *s.m.* Ver BALUME 1 /12415. (Laxe).

12418 **brenza** *s.f.* Estrume, mulime, o que se emprega para cama dos animais. (TCha).

12419 **cama 1** *s.f.* Estrado de toxo, fentos, follato e outros vexetais onde se deita o gando na corte. (Común).

12420 **eiviña** *s.f.* Herba de cápsulas espiñentas que se usa como estrume en substitución do toxo. (Sobrán).

12421 **encamada** *s.f.* Cada unha das capas de toxo, palla, etc. que se botan ó estra-la corte. (ERQ1).

12422 **esquilme** *s.m.* Toxo rozado para face-la cama do gando. (Común).

12423 **esquilmo** *s.m.* Ver ESQUILME /12422. En Piquín úsano en plural. (CP, ERG, Piquín).

12424 **estona** *s.f.* Capa de toxo non apodrecido. (Mel1, Vil.).

12425 **estrabo 4** *s.m.* Estrume. A nosa fonte escribe *estravo*. Ver comentario a ESTRABARIZA /12362. (XRMF4).

12426 **estrado 1** *s.m.* Cama do gando na corte, feita de estrume ou molime de toxos, fentos, folla, palla etc. (Com1, ERG, Parade.).

12427 **estradura 2** *s.f.* Cantidade de toxo que se precisa para cubri-la corte. (Feás-A).

12428 **estrallo** *s.m.* Ver ESTRADO 1 /12426. (LG).

12429 **estrame** *s.f.* Ver ESTRUME 1 /12433. *Na corte, estrame nova e viño á cova*. (VLLM).

12430 **estramento** *s.m.* Ver ESTRUME 1 /12433. (LG, VLLM).

12431 **estro** *s.m.* Cantidade de toxo necesaria para cubri-la corte. (Gui., Gui2).

12432 **estrumada** *s.f.* Morea de estrume para estra-las cortes ou estendelo no curral ou nas corredoiras. (ERG).

12433 **estrume 1** *s.m.* Conxunto de toxo, palla, fentos etc. co que se lle fai a cama ás vacas na corte e que despois será o esterco. (Común).

12434 **estrume 2** *s.f.* Ver ESTRUME 1 /12433. (Piquín).

12435 **estrumio** *s.m.* Ver ESTRUME 1 /12433. (Arzúa3, Cur., Feás-A, Gui., Gun., Mel1, Palas1, Vil.).

12436 **felgo** *s.m. Ú. m. en pl.* Esquilmo que se emprega para lle face-la cama ó gando. Supoñemos que porque alí a fan con fentos. (Sober).

12437 **fronza** *s.f.* Conxunto de ramas e follas de árbores ou arbustos utilizadas para estra-las cortes. Pintos fai referencia ó latín *frons*, *frondis*, folla da árbore. (JMP).

12438 **gancela** *s.f.* Ver GANZO /12439. (Riba2).

12439 **ganzo** *s.m.* Cama do gando feita a base de toxo. (LG).

12440 **guelmo** *s.m.* Ver ESTRUME 1 /12433. (LG).

12441 **maraña** *s.f.* Ver MATO /12442. (Caa.).

12442 **mato** *s.m.* Maleza utilizada para estra-la corte. (Goián, SComba, Toba).

12443 **molima** *s.f.* Ver MULIME /12449. (Com1).

12444 **molimada** *s.f.* Ver MULIME /12449. ERG defíneo como conxunto de molime. *Botéille unha boa molimada á corte*. Rivas Quintas (Cod2) neste caso recolle esta voz na aldea de Terreboredo. (Cod2, CP, ERG, Mel1).

12445 **molime 1** *s.m.* Ver MULIME /12449. Aníbal Otero considérao feminino. *Por eso aconteceu o do carro. Foi por molime ó coto de Guillal e cando baixaba antepuxo o gando pra manter a carga coa forcada* (XNV:42). [...] *outras tran leña, feixes de toxos, palla, molimes para estrar cortellos e facer cuito* (PC:131). (Com1, CP, ERG, Feás-A, Maía2, MLP, PC, Piquín, VLLM).

12446 **molimia** *s.f.* Ver MULIME /12449. (Vive3).

12447 **molimo** *s.m.* Ver MULIME /12449. (Oirós).

12448 **molinada** *s.f.* Ver MULIME /12449. Supoñemos que quere dicir *molimada*. (MLP:443).

[1385] Cañiza3:165.

12449 **mulime** *s.m.* Conxunto de maleza, toxos, palla, etc. coa que se fai a cama do gando. (Burón, Cod., Com1, Suarna, Vala.).
12450 **palluzada** *s.f.* Palla ou herba estragada que se deixa para cama do gando. (Piquín).
12451 **raposa** *s.f.* Feixe de follas secas para cama do gando, feito con ramas e vencellos. (Piquín).
12452 **rostrado** *s.m.* Estrume. (Bembi.).
12453 **tazo 1** *s.m.* Estrume. (Ped2, Samos2).

Na corte estrame nova e o viño á cova. (VLLM:1,145) [1386]
Solteira sin lume, vaca sin estrume. (XMSM:78)

9.9.4.1. Face-la cama

12454 **estra** *s.f.* Ver ESTRADURA 1 /12456. (Gun.).
12455 **estradela** *s.f.* Ver ESTRADURA 1 /12456. *Compría darlle unha estradela á corte, que non ten onde se deitar o jado*. (Xun2).
12456 **estradura 1** *s.f.* Acción de estra-la corte. (Razo).
12457 **fonda** *s.f.* Acción de facerlle a cama ó gando. (Gun.).
12458 **arreglar** *v.* Estrar [a corte] con molime novo e limpo para que nela se acomode o gando. A nosa fonte recolle *arregla-las cortes*. *Pola noite o voltar pra casa, o mesmo, arregla-las cortes, botar de comer ó gando, atende-los porcos, a cear e a dormir*. (Cos.).
12459 **asoar** *v.* Mete-los primeiros toxos [na corte] para estrala despois de quita-lo esterco. (Feás-A).
12460 **astrar** *v.* Ver ESTRAR /12470. (Goián).
12461 **curtir 2** *v.* Mesturar [o gando] o estrume na corte cos seus propios excrementos formando así o esterco ó fermentar. (Gud5).
12462 **empallar 3** *v.* Cubrir de palla ou estrume [as cortes] para que o gando durma quente no inverno. (ERG).
12463 **empallugar** *v.* Ver EMPALLAR 3 /12462. (ERG).
12464 **enfondar** *v.* Ver FONDAR /12475. (Mon).
12465 **enfundar** *v.* Ver FONDAR /12475. (Gui.).
12466 **enxugar 2** *v.* Face-la cama do gando. (SComba).
12467 **esquilmar** *v.* Botar esquilmos [na corte do gando] para estrala. No texto de Aníbal Otero que nós manexamos hai un erro de imprenta polo que se intercambian liñas de texto entre *esquilmar*, *esquinencia*, *esquillar* e *esquilmos*, e que Antón Santamarina (un dos dous editores da obra de Aníbal Otero) emenda na versión informatizada do *Diccionario de Diccionarios*, polo que non podemos estar seguros do que di. Tendo en conta que Eladio Rodríguez lle dá ademais a acepción de "coller ou cortar esquilmo no monte", sendo estes *esquilmos* a matogueira que se corta para estra-las cortes do gando, tamén podería entenderse que en Piquín *esquilmar* designa só esta operación no monte, operación que non entra dentro dos límites desta nosa monografía. (ERG).
12468 **estradar** *v.* Ver ESTRAR /12470. (CTui).
12469 **estralar** *v.* Ver ESTRAR /12470. (Dum.).
12470 **estrar** *v.* Cubri-lo chan [da corte] con toxo e palla (co estrume) para facerlle a cama ó gando. En Ben. recollemos *estra-lo gado* co mesmo significado. *As cortes éstranse co estrume [...] e tense coidado de que a capa superior que ha de servir de cama estea formada por toxo fino ou por fentos* (Velle1:136). *Nese intre comezaba o carro a cantar ata chegar ó quinteiro. Despois descargábase e facíase nunha beira a rima de toxo, para estra-las cortes cando cumpría* (Cañiza3:165). (Común. ILG:184 (C:87, LU:37, OU:20, PO:40)).
12471 **estrare** *v.* Ver ESTRAR /12470. (CarbCo., Ces., Crendes, Fózara, Pre., Razo, Tab1, Verdía, Vtose.).
12472 **estrear** *v.* Ver ESTRAR /12470. (Dum.).
12473 **estromar** *v.* Ver ESTRUMAR 1 /12474. (Neves2, Xun2).
12474 **estrumar 1** *v.* Botarlle unha capa de estrume [ó chan da corte]. Tamén, en currais e corredoiras para facilita-lo paso coa choiva. A nosa fonte en Oliv. escribe realmente *estrumar la corta*. (Alla2, Bolo, Cang2, Cang3, Carr-G, Corb., CP, Enxames, ERG, Gud., JMP, Mez., Noalla, Nove2, Oliv., Peno., Ram., Salv3, Vil., Vnova2, Vrei.).
12475 **fondar** *v.* Facerlle a cama [ó gando]. (Gun., XER).
12476 **lastrar** *v.* Botar toxo [na cama do gando]. (Vill-O2).
12477 **mulir** *v.* Facerlle a cama [ó gando], botar mulime. (Oroso2).
12478 **musir 3** *v.* Ver MUXIR 3 /12479. (AG-AO).
12479 **muxir 3** *v.* Botar palla ou outros materiais [para facerlle a cama ó gando]. (Ancares2).
12480 ***muyir** *v.* Ver MULIR /12477. (AG-AO).
12481 **botar molime** *loc. v.* Facerlle a cama ó gando. (Buga-A).

[1386] Llópiz: *â*; explica que *estrame* e *estramento* é a cama de palla ou toxo que se bota pola corte para descanso do gando e que as deposicións do gando axiña o transforman en xurro ou en esterco, fertilizante de excelente calidade, que hai que sacar cada pouco para aproveitalo e para hixiene da corte.

12482 **face-la cama** *loc. v.* Estra-la corte. ... *vanlle face-la cama ó ganado de toxo e bótanlle un pouco de palla por arriba ahora que xa non hai toxo pra botarlle ás vacas*. (Bece2).
12483 **tapa-los busteiros** *loc. v.* Facerlle a cama ó gando. Realmente esta expresión é propia dunha gandería tradicional, na que o esterco natural se forma precisamente pola mestura do molime coas dexeccións do gando: de aí que se tapasen con molime novo en vez de retirarllas de cada vez. (Sofán).

Estando a corte ben estrada, anque se baile, non se lamuza. (VS4) [1387]

Á túa porta, meniña,
á túa porta hai lama,
bótalle retraña verde,
bótalle verde retraña. [1388]

Cando iamos ao toxo.
O carro das vacas
cando ía moi cargado
ás veces envorcaba. [1389]

9.9.4.2. Limpa-la corte

Xa vimos como o estrume co que se fai a cama da corte vai recollendo os excrementos do gando e este, ó entrar e saír, vai pisando e mesturando todo. Co paso do tempo, esa cama convértese en esterco e cómpre retiralo da corte, tanto para aproveitalo para fertiliza-las terras de labor coma por hixiene: a fermentación das feces mesturadas co estrume dá lugar a cheiros que se fan desagradables e a humidade que se acumula na cama remata producindo problemas sanitarios no gando, especialmente respiratorios e nos pezuños.

Para desinfecta-la corte e previr calquera mal do gando alí estabulado, no Salnés úsanse os vapores de follas novas de eucalipto (*Eucaliptus globulus*) ou aspersións con auga de ferve-los cocos desta mesma árbore. En ocasións, penduran directamente do teito da corte ramallos de eucalipto (Gro2 [1390]). Tamén en Castrelo (Cambados) desinfectan as cortes con eucalipto, pero utilizan vapores de follas novas ou de ferve-los cocos –*ou froitos*- (Castre. [1391]).

12484 **chotear** *v.* Baleira-lo esterco [da corte] botando *chotas* fóra dela. (Corc.).
12485 **desestrar** *v.* Quita-lo estrume [dunha corte] para esterca-las terras. (ERG, LG).
12486 **destonar 2** *v.* Quitar [da corte] a estona ou capa de toxo non apodrecido. (Mel1, Vil.).
12487 **estonar 2** *v.* Ver DESTONAR 2 /12486. (Feás-A, Sob.).
12488 **librar 5** *v.* Saca-lo esterco [da corte]. *Cómpreme libra-la corte*. (Xun2).

Cando marchan os bois, baléirase a corte. (VLLM:1,138) [1392]
Cando saen as vacas, baléirase a coadra. (VLLM:1,138) [1393]
Cando saen as vacas, límpase a coadra. (VLLM:1,138) [1394]
Cando saen os bois, a corte baleirou. (VLLM:1,138) [1395]
Cando saen os bois, límpase a corte. (VLLM:1,138) [1396]
Onde non hai bois, limpa estará a corte. (VLLM:1,148) [1397]

[1387] VS4 di que o recolle de Lence Santar (Mondoñedo). Poida que este refrán aluda á corte como lugar de encontro da mocidade para os fiadeiros: nestes casos limpaban a corte, estrábana ben e así o chan non lamuzaba ó bailaren.
[1388] Capela.:196: *tua*. ERQ3 é o único que explica que *retraña* é unha variedade de *retama*, é dicir, xesta propia de Laza.
[1389] XLRG:65.
[1390] O noso informante no Grove engade que tamén se poñían hai tempo baixo a cama da xente, *cando había esas gripes tan grandes*.
[1391] Na información recollida en Castrelos obsérvase que se confunden os cocos (ou, máis comunmente, bugallos) cos froitos (landras) do carballo, erro que resulta bastante común. Os bugallos son excrecencias esféricas que se forman nas ramas do carballo e outras árbores, como mecanismo de defensa fronte ás larvas de certas especies de avespas que depositan os ovos na súa casca.
[1392] Llópiz: *valéirase*; recólleo de B. Andrade, prof. vet. Este refrán parece tautolóxico pero non o é porque outros paralelos permiten saber que aconsellan en tal ocasión tira-lo esterco da corte.
[1393] Llópiz: *valéirase*; recólleo de Vidal Lois, en Lugo.
[1394] Llópiz recólleo de J. Vidal Lois, en Lugo.
[1395] Llópiz: *valeirou*; recólleo en Abadín.
[1396] Llópiz recólleo de J. Vidal Lois, en Lugo.
[1397] Llópiz: *ai* (sic); recólleo en Vide (Celanova).

9.9.4.3. O esterco

As deposicións dos bovinos non son cousa que, por noxenta, se menosprece senón todo o contrario. De tempo inmemorial o esterco de bois, vacas e becerros recóllese como moi valioso para fertiliza-la terra, porque achega materia orgánica con elementos moi importantes (JCI). A mestura co molime que se botou na corte para cama do gando acaba creando unha masa heteroxénea altamente nutritiva para os campos de cultivo e para as plantas. Da bosta hai utilizacións secundarias que veremos nas epígrafes seguintes e en 8.10 xa vimos outras mesmo terapéuticas. Nas cortes modernas existen xa mecanismos automatizados que a horas programadas recollen por arrastre o esterco, transportándoo á morea e deixando a corte limpa. Nas cortes tradicionais a limpeza facíase manualmente co gallete.

12489 **bosteiro 2** *s.m.* Esterco formado por bosta sen molime. *Resultando que a moita bosta das cortes por falta de molime recebe o nome de 'bosteiro'*. (Parade.:45).

12490 **cortellada 1** *s.f.* Cantidade de esterco contida nunha corte. (Piquín).

12491 **cuito** *s.m.* Esterco. *[...] outras tran leña, feixes de toxos, palla, molimes para estrar cortellos e facer cuito* (PC:131). (PC, Piquín).

12492 **cuitu** *s.m.* Esterco. (Ibias2).

12493 **cutio** *s.m.* Esterco. (Burón, Ibias1, Ibias3).

12494 **estercada 1** *s.f.* Ver ESTRUMADELA /12497. (LG).

12495 **esterco 1** *s.m.* Mestura dos excrementos da vaca coa estradura e que se usa para fertiliza-las terras. *Saca-lo esterco: facíase o esterco na corte do gando co toxo, que lle servía de cama, e os excrementos dos animais. Ó entrar en putrefacción os dous elementos, coa fermentación, elaborábase un cuito vexetal de gran utilidade* (Cañiza3:151). (Común).

12496 **estraco** *s.m.* Ver ESTERCO 1 /12495. (Incio).

12497 **estrumadela** *s.f.* Cantidade de esterco contida na corte. (LG).

12498 **tazo 2** *s.m.* Ver ESTRUMADELA /12497. (LG).

12499 ***abono** *s.m.* Ver ESTERCO 1/12495. O VOLGa non admite con este significado a voz *abono*, que xa recolle no s. XVIII o P. Sobreira e figura nalgúns refráns. ERG engade que se utiliza para designar exclusivamente os modernos fertilizantes químicos, fronte ó *esterco* tradicional e orgánico. (Curro, PdM:9, UCA2:29, XTC4).

12500 **crabalizada de esterco** *s.comp.f.* Capa de esterco que hai na corte. (Toba).

A herba que come o teu gado ca esterca faiche bo pago. (VLLM:2,79) [1398]
A sacha á mes en xaneiro válelle por un esterqueiro. (Grou) [1399]
Antes falte a palabra na praza que o esterco na corte. (ERG:palabra)
Auga de xaneiro medio esterqueiro. (XTC4) [1400]
Ben cheira o diñeiro, inda que veña dun esterqueiro.(XAM2:26)
Bo esterco, bo feito. (SOBREI) [1401]
Canto máis gando, menos esterco. (Trazo; VS) [1402]
Moito gando, pouco esterco. (VS; FBB8)
Onde moito gando, pouco esterco. (VS) [1403]
Carro de folla, montón de esterco. (VS)
De millor palla fixen eu esterco. (ZM:76; VS)
Esterco de charamela, todo é candea. (UCA2:36; ZM:105; VLLM:2,209; PdM:12; MVN2:86) [1404]
Esterco de charamela, todo é purrela. (ZM:105; ERG:esterco)
Esterco de fieito, grao polo peito. (UCA2:36; MVN2:86; VLLM: 2,209; ZM:105; ERG:esterco; PdM:12) [1405]

1398 Llópiz: *gâdo, bó*; recólleo en Pereira de Aguiar.

1399 No texto: *mês*.

1400 Tamén *Auga de xaneiro esterco de carneiro* (XTC4).

1401 No texto: *Bon esterco, bon feyto*.

1402 Trazo: *ghando*.

1403 VS: *jando*.

1404 UCA2, ZM, PdM e MNV2: *candela*. VLLM: *Esterca*, *ê*. A *charamela* é un dos moitísimos nomes da folla do pino que ben estudou Bouza Brey (FBB5). En 1955, Cándido Moreno Solana (CMS) publicou unha nota coas formas hispánicas das follas do piñeiro, entre as que recollía novas variantes galegas; e máis recentemente, en 1980, Mercedes Brea (MB) completou este traballo cunha relación de 121 variantes tiradas das enquisas do ALGa. A charamela non ten gran calidade para a esterca pero arde moi ben no lume.

1405 UCA2: *gran pol-o*. MVN2: *po-l-o*. VLLM: *Esterca, pol-o*. ERG: *grau*. PdM: *grau pol-o*. ZM: *grau*.

Esterco de folla, grau pola trolla. (ERG:esterco; VLLM:2,209; ZM:105; MVN2:86) [1406]
Esterco de palla, esterco de nada. (XLF2:35)
Esterco de palla, grau pola barba. (UCA2:36; MVN2:86; ERG:esterco; ZM:105; PdM:12) [1407]
Esterco de silva, grau pola crisma. (UCA2:36; MVN2:86; ERG:esterco; ZM:105; PdM:12) [1408]
Esterco de xesta, grau pola testa. (PdM:12; UCA2:36; ZM:105; MVN2:86) [1409]
Esterco de xesta, grau por enriba da testa. (ERG:esterco)
O trigo coa xesta, pola testa; co toxo, polo hombro, e coa folgueira, pola caralleira. (MLP4) [1410]
Si estrumas con rebola, dareiche pola gorra. (Vald3) [1411]
Si estrumas con xesta, dareiche pola testa. (Vald3)
Foches á folla, perdeches o tempo, carro de folla, cesto de esterco. (Neves3)
Foches á folla, perdéche-lo tempo: un carro de folla, unha cesta de esterco. (Ctel16)
Nin de malva bon vencello nin de esterco bon olor, nin de mozo bon consello nin de puta bon amor. (DXC:29; VS) [1412]
O diñeiro e o esterco, onde están, pulan. (XTC4) [1413]
O que naceu no esterco, sempre cheira a el. (VS)
Quen na corte se criou, sempre a esterco ha de cheirar. (VS) [1414]
Vaca de pouca [h]erba, pouco leite e mala esterca. (VLLM5) [1415]

Vexamos finalmente unha máxima que Jacinto del Prado insire entre os seus refráns: *O maor rendemento do ganado é o esterco ben aproveitado* (VS).

¡Ai, que me doi a cabeza!
¡Ai que me doi a moleira,
de carrexar o estrume
alá de Pena Corneira! [1416]

Anda ti sapo pequeno
iesterco du meu currale
heite de levar á feira
venderte por un raiale. [1417]

[1406] MVN2: *po-l-a*. ZM: *troila* (sic). VLLM: *Esterca, grao, pol-a*. O significado da palabra *trolla* é escuro. Nalgúns refraneiros aparece como *tolla* (e dáselle o significado de xeonllos), noutros como *troila* (que pode ser simple errata). Pensado publicou un artigo adicado a analiza-lo posible significado do vocábulo *trolla* e despois de analiza-las variantes coñecidas e mesmo o significado miñoto de *medida de capacidade*, aventura a hipótese de que debe de estar por *rolla* (tampón no baldón do barril) porque a serie dos refráns do esterco alude a alturas diferentes (JLP4):

Esterco de fieito, grau polo peito
Esterco de palla, grau pola barba
Esterco de silva, grau pola crisma
Esterco de xesta, grau por enriba da testa.

O refraneiro inédito de Llópiz dá unha nova significación para *trolla* que é a de paleta do peito, esterno. De ser certo, o esterco de folla equipararíase en calidade ó esterco de fieito, é dicir, sería o de menor calidade de todos.
Non obstante lembremos que *trollar* é en Irixoa botar unha vaca as patas cara á fóra ó andar. Lamentablemente Llópiz desta vez non cita procedencia e só nos queda lembrar que *trollo* é en moitos outros lugares de Galicia, lameira, barrizal (nótese o dito *¡En trollos peores xa me teño visto!)*. Tamén en Xaquín Lorenzo atopamos este significado: *Xiada no trollo, auga hastra o xollo* (XLF2:70), pero Álvarez Giménez dános estoutra variante: *Giada sobre lodo, neve hasta ò jollo* (EAG:45), que traduce por *nieve hasta el codo.*

[1407] UCA2: *gran, pol-a*. MVN2: *po-l-a*. PdM: *pol-a*.

[1408] UCA2: *gran, pol-a*. MVN2: *po-l-a*. ZM: *Silva* (con maiúscula). PdM: *grau pol-a*.

[1409] PdM: *pol-a*. UCA2: *gran, pol-a*. MVN2: *gesta, po-l-a, tésta*.

[1410] No texto: *co-a, co-o, pol-o*.

[1411] Supoñemos que quen tal di é o millo.

[1412] Saco: *nin de p... bon amor*, por eufemismo; recolle tamén as formas *vencexo* e *consexo*. Comenta que *No se debe ofrecer lo que no se ha de cumplir*, e engade os seguintes equivalentes: P.: N*em de malva bom vincelho, nem de esterco bom odor, nem de moço bom conselho, nem de p... bom amor* (Chaves); E.: *Ni de estiercol buen olor, ni de hombre vil, honor* (Correas). DXC dáo como cantiga e escribe *bo vencello, boa olor, bo consello, bo amor*.

[1413] *Un pai decía o seu fillo, cargando un carro de esterco: -Carga, Xamín que o diñeiro e o esterco, onde están, pulan* (XTC4). *Xamín* é hipocorístico de Benxamín. Informante de Baños de Molgas.

[1414] Saco engade este equivalente castelán: *Quien en cuadras se crió, a estiércol siempre olió* (R.Marín).

[1415] Porque, di Llópiz, *no vale ni para obtener de ella abono de cuadra*.

[1416] JASA:154 (cant. 1.113), DBP:2582. Saco y Arce explica que: *Llámase así por su forma una peña puntiaguda que corona el picacho más alto de una sierra que hay en la parroquia de Lamas, a dos leguas de Ribadavia*. Ve-la epígrafe 15.2.3.1. *A vaca na toponimia galega: Os cornos como referencia toponímica*.

[1417] SCHU5/2/201 (como fragmento dun desafío), SCHU5/2/206a.

Cala a boca, miña xoia,
esterco do meu corral,
que mañá hei de ir a feira
e hei venderte por un real. [1418]

Cala a boca, miña xoia,
esterco do meu poleiro,
que mañá heiche ir a feira
e heite vender por un peido. [1419]

Moito me doe a cabeza,
moito me doe a moleira,
de acarrea-lo estrume
da costa da Becerreira. [1420]

Moito me doe a cabeza,
moito me doe a moleira,
de carrexar o esterco
desde a Pena Carreira. [1421]

Moito me doe a cabeza,
moito me doe a moleira,
de carrexar o esterco
pró alto da Canceleira. [1422]

Quítate de aí porco cuchino
esterco do meu curral
heite de levar á feira
e venderte por un real. [1423]

Vai de aí deño cativo,
esterco do meu corral,
heite de levar á feira
venderte por un raial. [1424]

Vaite lavar, cara moura,
esterco do meu curral,
heite de levar á feira
e venderte nun real. [1425]

9.9.4.3.1. A pela de esterco

12501 **chota 1** *s.f.* Porción de esterco segundo se arrinca do chan. (Camb., Com1, Corc., Cur., Feás-A, Gro1, Gui., Laxe, Mra., Nove., San., Sob., Toba).
12502 **falerpa** *s.f.* Porción de esterco. (Com1).
12503 **falopa** *s.f.* Porción de esterco. (Burón, Gun., Piquín, Suarna).
12504 **falopada** *s.f.* Pela de esterco. (Piquín).
12505 **felepa** *s.f.* Capa pequena de esterco. (Lan.).
12506 **folepa** *s.f.* Capa de esterco. (Lemos2).
12507 **palloco** *s.m.* Ver PALLOPO /12508. (Cod3).
12508 **pallopo** *s.m.* Terrón de esterco apelmazado que se quita da corte. (ERG).
12509 **panada 2** *s.f.* Terrón grande de esterco. (Grixó).
12510 **panoco** *s.m.* Pela de esterco. (Caniza).
12511 **pantela** *s.f.* Pela de esterco. (Corz).
12512 **pantelada** *s.f.* Pela de esterco. (Lou.).
12513 **pañoca** *s.f.* Pela de esterco. (Cañiza).
12514 **tormelón** *s.m.* Terrón de esterco. (Rubiá).
12515 **zalapada** *s.f.* Pela de esterco. Esta voz recollida por Aníbal Otero aparece como sinónimo nas entradas *falopada* e *tormelón* no apéndice de ERG. (Sang.).

9.9.4.3.2. Restos de esterco na corte

12516 **barredura** *s.f.* Conxunto dos restos de esterco que quedan no fondo da corte. (Razo).
12517 **páramo** *s.m.* Conxunto de residuos que quedan nas cortes despois de quita-lo esterco e que se consideran bos para estercar. (Fri.).
12518 **rabaña** *s.f.* Esterco miúdo que queda no fondo da corte. (Vil.).
12519 **rapalla** *s.f. Ú. m. en pl.* Resto de esterco que quedan na corte ó saca-lo estrume. (LG).
12520 **raspa** *s.f. Ú. m. en pl.* Esterco miúdo que queda no fondo da corte. (Dum., San.).
12521 **raspadura** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver RASPA /12520. (Laxe).
12522 **rebo** *s.m.* Esterco do fondo das cortes. (Piquín).
12523 **esterco relado** *s.comp.m.* Residuos de esterco. (Cre.).
12524 **rascar 2** *v.* Recolle-lo esterco miúdo que queda no fondo da corte. Corrixímo-la nosa fonte que, neste caso, clasifica *rascar* como

[1418] RCI:82.
[1419] RCI:72.
[1420] VD:304. No texto: *acarreal-o*.
[1421] Lama2:163: *muleira*.
[1422] Lama2:89.
[1423] SCHU5/2/206c. No texto: *d'aí.*
[1424] SCHU1/2/333, SCHU5/2/206b. No texto: *daí*.
[1425] MRV:109.

substantivo masculino e que o define como "estiércol menudo que queda en el fondo de la cuadra", cousa que nos parece unha errata manifesta. (Mel1).

9.9.4.3.3. Morea de esterco (para estercar)

12525 **bosteira 2** *s.f.* Morea de bosta. (MLP, Mon., Mra., Vala.).
12526 **bostieira** *s.f.* Ver BOSTEIRA 2 /12525. (Sob.).
12527 **buleira 2** *s.f.* Ver BOSTEIRA 2 /12525. (MLP).
12528 **cañeira 2** *s.f.* Morea de esterco dos currais ou de toxo posto a fermentar. (Noalla2).
12529 **esterqueira 1** *s.f.* Sitio onde se recolle e acumula o esterco. (Cab., Com1, Cur., ERG, Gro1, Gui., Gun., Mon., Nove., Per.).
12530 **estirqueira** *s.f.* Ver ESTERQUEIRA 1 /12529. (Fri.).
12531 **estrumeira 1** *s.f.* Sitio onde se acumula o estrume. (ERG, JMP).
12532 **grolo** *adx.* [Esterco] a medio facer, a medio fermentar. *Non llo botes á terra jrolo, que non che vai dar nada*. Goián dáo como substantivo pero dubidamos de que lle corresponda esa categoría gramatical. (Fra., Goián).

9.9.4.3.4. Recoller bosta nos camiños

12533 **bosteira 4** *s.f.* Sitio onde se axunta e deposita a bosta que se vai recollendo polas corredoiras. (ERG).
12534 **buleira 3** *s.f.* Ver BOSTEIRA 4 /12533. (ERG).
12535 **carreiraus** *s.m.pl.* Bosteiras que vai deixando o gando nos camiños e que se colle para estercalas terras. Ver ANDAR ÓS CARREIRAUS /12538. (ERG).
12536 **cesto da bosta** *s.comp.m.* Recipiente no que os mozos das aldeas transportaban a bosta que ían recollendo polos camiños e quinteiros. *Ó botar o gando xa era cousa sabida levar o cesto [da bosta] pra coller o que os animais fixesen e o demais que se poidera xuntar polos camiños. A vara na man i o cesto no brazo, e tíñase a fachenda de chegar de volta coil ben acurutado*. (GB2:58).
12537 **andar á bosta** *loc. v.* Recoller bosteiras polos camiños para facer esterco, barra-lo forno ou prepara-la eira para a malla do trigo. *Xa cos seus dezaoito anos, aínda andaba co cesto á bosta pola corredoira para plantar catro patacas nun talliño de terra que lle prestaba un veciño* (MRP:33). (ERG, Grixó, MRP).
12538 **andar ós carreiraus** *loc. v.* Ver ANDAR Á BOSTA /12537. (ERG).

Sarmiento nas *1200 coplas* que compuxo inseriu algo que se relaciona con este tema:

Canto millor fora
que con sacho e cesto
a catar a bosta
fose á vila e cedo! [1426]

Vai coller o gasto
cun sacho e cun cesto,
o gasto das bestas,
dos homes e cerdos. [1427]

9.9.4.3.5. Esterca-las terras

12539 **angareña** *s.f.* Padiola na que se transporta o esterco. (AG-AO).
12540 **bioleiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ringleira de esterco que se bota nas leiras para estercalas. (LG).
12541 **esterca** *s.f.* Acción de estercar. (VLLM).
12542 **estercada 2** *s.f.* Período de tempo, entre novembro e febreiro, no que se estercan as leiras. (LG).
12543 **monta 2** *s.f.* Pequena morea de estrume. (Fra2).
12544 **monte 2** *s.m.* Morea de estrume. (Mond3).
12545 **monteira** *s.f.* Morea pequena de estrume. (Fra2).
12546 **morica** *s.f.* Morea de esterco na leira. (Com1, Nove., Sob.).
12547 **morico** *s.m.* Ver MORICA /12546. (Cod., Mon.).
12548 **pelote** *s.m.* Morea de esterco. (Porto).
12549 **agabear** *v.* Cubri-lo esterco con terra. (Gud.).
12550 **cuitar** *v.* Ver CUTIAR /12551. *Das vacas aproveitábase o leite, os tenreiros que habitualmente se vendían nas feiras, e os seus excrementos, necesarios para face-lo*

[1426] FMS5:132,770. No texto: *fose a vila.*
[1427] FMS5:154,1120. No texto: *Vay; cun sacho e cum cesto*

esterco, que mesturado con toxo, despois de fermentar, usábase para cuita-las veigas (leiras de labranza) (Cañiza3:115). (Cañiza3, Ibias2).

12551 **cutiar** *v.* Estende-lo cutio ou esterco nas terras. (Burón, Ibias1, Ibias3).

12552 **estercar** *v.* Esparexe-lo esterco e mesturalo coa terra para fertilizala. (Común).

12553 **estrumar 2** *v.* Esterca-las terras. (Gro1, Gud5, Ram., Vil.).

12554 **gabiar** *v.* Ver AGABEAR /12549. (SComba).



Montes de esterco nunha terra de millo.

A bo esterco, mellores patacas. (VS)

A caste da horta sae da corte pola porta. (XTC4; PdM:6; ERG:horta; EAG:7; EAG2:336; UCA2:22; MVN2:62) [1428]

A coles e nabos, esterco de marzo. (VS)

A sebes e nabos, esterco de marzo. (VS)

Abona e non estremes. (EAG:6)

Ata curto, esterca a modo, ara xusto e fondo, e collerás pan dabondo. (ERG:pan) [1429]

Bota esterco a picañadas e collerás boas fornadas. (VS)

Cávame cada mes e estércame cada tres. (ANV4:17) [1430]

Decrúa en maio, bima en San Xoán, esterca ben e collerás bo pan. (Mez.; Gud5:100; NT:28) [1431]

En abril, abona forte, poda curto e ara fondo, xa verás como tes viño e pan abondo. (NevesC)

Esterca e non derregues. (Antas4) [1432]

Esterca e non poñas marcos. (JASA:342; JASA2:366 ; JASA3:221; UCA2:36; AdC:28; ZM:105; MVN:230) [1433]

Esterca e traballa e terás boa anada. (UCA2:36; ZM:104)

Esterca e traballa, terás boa anada. (PdM:12) [1434]

1428 Alusión ó que representa o esterco nas producións agrarias. Similar ponderación dedúcese destes refráns que copiamos de Taboada Chivite: *Besta que non da esterco fora coela da estraberia* [debería ser *estrabeira*]; *Besta que non fai esterco fora da cuadra* (XTC4). No texto: *casta, d'a, sal, pol-a* (PdM); *sai* (ERG); *d'a, sal, pol-a* (EAG); *A casta da horta, sal da corte e pol-a porta* (UCA2); *d'a hórta, sal d'a corte, pol-a pórta* (MVN2).

1429 En moitos lugares denomínase *pan* maiormente ó centeo, por se-lo cereal con que se elabora este produto, aínda que tamén se di do millo e do trigo.

1430 Fala a horta. No texto: *y-estércame*.

1431 No texto: *decrua, vima, Xoan, bon* (Mez.); *decrua, Mayo, bina, Juan, coieras, boo* (NT). *Bimar* é facer unha segunda sacha ós cereais.

1432 Non fai falta face-las derregas porque a leira ben estercada nótase na colleita. Explícanos tamén o informante que ás derregas ninguén chega moito o esterco.

1433 No texto: *non poñas marco* (en singular) (ZM).

1434 No texto: *teràs*.

Fai esterco todo o ano, que non será sobrado. (UCA2:37; EAG:16; ZM:108; VS) [1435]
Labra fondo, esterca mollado, e terás pan para todo o ano. (RCI:104) [1436]
No estercar e no sachar non debes reparar se queres colleitar. (XAM2:31)
Araduras, oito; e esterquiño, moito. (ERG:aradura; XLFG)
Araduras, oito; i esterco, moito. (XLF2:20)
Con abono e rega, non hai mala terra. (PdM:9; UCA2:29) [1437]
Con auga e abono non hai terra mala. (XTC4) [1438]
Con esterco e rega non hai mala terra. (XTC4)
Non hai mala terra con esterco e rega. (MC:91)
En outubre a terra esterca e cubre. (NevesC)
Polo outubro a terra esterca i cobre. (Maceda2)
Labrador que non come media libra de esterco cada día, non colle millo nin xudía. (VS; Mundil) [1439]
O labrador que non come un carro de abono diario non é labrador. (Curro)
O abono é coma os santos: non dá festas pero fai milagros. (XTC4) [1440]
O esterco non é santo pero fai milagros. (Antas4) [1441]
Ó ferrado de semente cómprelle ben dúas carradas de esterco. (VS)
On ferrado de semente cómprenlle ben dúas carradiñas de esterco. (VS)
Pouca terra ben estercada, val a moita mal traballada. (PdM:18)
Pouca terra ben estercada, vale por moita mal traballada. (MC:94)
Pouca terra ben estercada, vale por moito ben traballada. (Maceda3) [1442]
Pouca terra e ben abonada, val pola moita mal traballada. (ZM:204)
Pouca terra e ben estrada, val por moita e mal traballada. (XLF2:60)
Pouca terra moi abonada, val pola moita mal traballada. (XTC4) [1443]
Que ano seco, que mollado, estércame ben, cávame fondo e déixame raro. (EAG:26)
Pra estercar fixose o esterco. (ERG:estercar)
Quen en San Miguel esterca, desde a casa rega. (Grou) [1444]
Si aras en xaneiro, vasme decir que che roubei o esterco do leiro. (VS) [1445]
Tanto val unha nevada coma unha boa estercada. (EGE:32)

9.9.4.3.6. Barra-la eira

Un dos usos secundarios da bosta era o de prepara-la eira de mallar, cando esta non era de pedra. Para que o chan de terra ou area quedase illado dos grans que caerían coa malla, licuábase un pouco a bosta engadíndolle auga e con ela embadurnábase todo chan da eira. Ó secar coa calor do sol, quedaba como plastificada e a terra e a area do chan nunca se mesturaban co gran que así se recollía sen problemas. Isto era barra-la eira.

1435 No texto: *todo ano* (EAG); *que non che será* (ZM).

1436 De cre-lo que nos di o refraneiro, abonda cunha boa cavadura e unha boa man de esterco para asegura-la colleita: *Cava fondo e mete basura e rite dos libros de agricultura* (XTC4).

1437 No texto: *hay* (PdM, UCA2).

1438 XTC4: *hay*.

1439 O informante de Vicente Risco na parroquia do Mundil relaciona este refrán coa falta de hixiene dos paisanos: *Outros casos d'enfermedades que se dan son poucos e os andacios duran pouco, debido â pureza do ar e âs condiciós climáticas do tarreo, poil-a hixiene é perfectamente descoñecida, asegún afirma un refrán moi corrente que dí: 'Labrador que non come media libra d'esterco cada día, non come millo nin xudía'*. Parécenos evidente que o verdadeiro sentido do refrán non ten nada que ver coa hixiene senón coa largueza que se aconsella ó labrador se quere recoller unha boa colleita.

1440 XTC4: *da*.

1441 Porque a leira ben estercada dará unha boa colleita.

1442 Este refrán difire minimamente dos paralelos e a nosa informante explícao dicindo que *Máis vale facer unha soa cousa ben feita que facer moitas mal*, é dicir, que tería o mesmo significado cós outros. Pero como, revisada a información mecanoscrita, non hai dúbida de que a literalidade do refrán é distinta, coidamos que distinto debe de ser tamén o significado. Así, mentres os refráns complementarios afirman que unha boa estercada compensa en froitos un escaso ou deficiente traballo (e mesmo compensa a cantidade de terra traballada), este refrán, se non hai erro, afirmaría que unha boa estercada supera en froito mesmo o bo laboreo da terra, e de moita terra, co que estaría duplicando o valor atribuído ó poder fertilizante do esterco. É sabido que mínimas variantes entre refráns vehiculan importantes gradacións de significado (*Home casado muller é / Home casado nin muller é*).

1443 XTC4: *pol-a*.

1444 No texto: *desd'a casa*.

1445 No texto: *vasme a decir*.

12555 **barrada** *s.f.* Acción de estende-la bosta líquida na eira para que, despois de secar ó sol, deixe o chan liso e sen terra. (Xun2).

12556 **bosteiro 1** *s.m.* Montón de bosta para face-la aira para mallar. *Hai que facer a aira. Sendo de terra batida, o primeiro é gadaña-lo panasco, sen levantar terra, e darlle unha mau de bosta, limpa de frampas. Tíñase xa preparado con anterioridade o bosteiro preto da aira ou mesmo vaise polas cortes e traise a caldeiros. Amásase con auga e un sacho como fai un albanel, e arrámase cubrindo a aira coa axuda dun rodo e un vazcullo. Axiña seca e forma unha capa que evita ó grau mesturarse coa terra* (Friei.:218). (Cod., CP, Culle., ERG, Friei., Pentes1).

12557 **barrar** *v.* Darlle a barrada de bosta á eira para que non se levante terra ó varrer ou xunta-lo gran cando se malla. (Xun2).

12558 **borrar** *v.* Ver BARRAR /12557. (Vil.).

12559 **bostear 2** *v.* Ver BARRAR /12557. (Gui., Xun., Xun2).

12560 **embarrar** *v.* Ver BARRAR /12557. (Xun2).

12561 **embostar** *v.* Cubrir con bosta unha aira para evitar que os grans se perdan durante a malla. (Com1, ERG, Fri., JMP, Laxe, Ram.).

12562 **embostear** *v.* Ver EMBOSTAR /12561. (Com1, Dum., Feás-A, Porto).

12563 **embular** *v.* Ver EMBOSTAR /12561. (Incio, Ped1, Suarna).

Non te cases con Rosiña,
que é moza moi faladeira;
ponte, cando te non ve,
como a merdiña na eira. [1446]

9.9.4.3.7. O trobo e o forno

Outro dos usos secundarios da bosta foi o seu emprego para tapa-las xuntas que poideran quedar ó redor da porta que tapaba a boca do forno do pan, conseguindo así pechar de forma hermética, ou entre o corpo do trobo feito de cortizo e as pranchas que formaban a base e mailo testo, ou as propias gretas que se abrisen nas paredes do cortizo. Coa mesma finalidade empregábase tamén lama. Ó seca-la masa de bosta, perfectamente maleable, selaba con eficacia estas aberturas.

12564 **barra 2** *s.f.* Materia pegacenta elaborada coa bosta para barra-los cortizos das abellas. (ERG).

12565 **borro** *s.m.* Masa de bosta para sela-la porta do forno. (Lal3).

12566 **barrear** *v.* Tapar coa barra (ver BARRA 2 /12564) as xuntas da cortiza para adicala a colmea. *[...] e xa non queda mais que botar man d'unha materia branda que soe ser bosta, con perdón de todos, e barrealo ben co fin de taparlle todal-as xuntas* (GB1:95). (ERG, GB1).

12567 **emborrear** *v.* Embosta-la [tapa da colmea] para cerrala mellor. (Seoane2).

9.9.4.3.8. Mancharse de bosta

12568 **embostarse** *v.* Mancharse con bosta. (ERG).

12569 **enludrarse** *v.* Luxarse co ludre que sae das cortes. (ERG).

12570 **enzudrarse** *v.* Luxarse co zudre que sae das cortes. (ERG).

12571 **enzulipar** *v.* Manchar de zurrio. (Seix.).

12572 **enzuripar** *v.* Manchar de zurrio. (AO).

12573 **enzurrarse** *v.* Luxarse co zurro que sae das cortes. (ERG).

12574 **enzurriar** *v.* Manchar de zurrio. (Barcia).

Estando a corte ben estrada, anque se baile, non se lamuza. (VS4) [1447]

[1446] LimiaB: 112. Xaquín Lorenzo explica: *Cando as eiras son de terra, prepáranse para mallar o centeo botándolles por riba bosta con auga e terra, trepándoas ben e deixándoas secar.*

[1447] VS4 di que o recolle de Lence Santar (Mondoñedo). Poida que este refrán aluda á corte como lugar de encontro da mocidade para os fiadeiros: nestes casos limpaban a corte, estrábana ben e así o chan non lamuzaba ó bailaren.

9.9.4.3.9. O xurro

Hoxe en día, co crecente desenvolvemento da *gandería sen terra*, os xurros representan un verdadeiro problema medioambiental (por contaminación de pozos de auga e mananciais), pois a terra cultivada parece non dar abasto á utilización de tantos residuos. Un estudo da Consellería de Agricultura calculou en marzo do 2000 unhas cifras de máis de 15,5 millóns de toneladas anuais de esterco e xurro procedente do gando vacún. No Plan de Xestión de Residuos estimábanse unhas cifras de 14,47 millóns de toneladas en 2004 [1448].

12575 **carracoza** *s.f.* Líquido escuro que deita o esterco. (Vil.).
12576 **cetrina** *s.f.* Líquido escuro que deita o esterco. (LG, Piquín).
12577 **chuzo 2** *s.m.* Xurro. (LG, Seo.).
12578 **decurre** *s.f. Ú. m. en pl.* Xurro dunha corte ou dunha finca. (Viana).
12579 **escurrucho** *s.m.* Líquido escuro que deita o esterco das cortes. (Aldo1).
12580 **ludre** *s.m.* Ver LUDRIO /12581. Materia fecal procedente das dexeccións humanas e animais que é un dos máis ricos fertilizantes. (CP, ERG).
12581 **ludrio** *s.m.* Xurro que decorre das cortes. *Ós vinte minutos xa estábamos diante da casa. Tivemos que cruzar unha esterqueira onde fozaban unhos porcos, con moito procuro pra non meter as botinas no ludrio* (Cou3). No vocabulario final de *Á lus do candil* Fole lematiza como *lubrio*, non *ludrio*. Non podemos afirmar que sexa unha errata pero tal palabra non a encontramos en ningunha outra fonte documental. (Cou3, LG, TCha).
12582 **ludro** *s.m.* Ver LUDRIO /12581. (ERG, LG).
12583 **manxurrada 2** *s.f.* Xurro. (ERG).
12584 **purín** *s.m.* Xurro das cortes. (Carb1).
12585 **salitre** *s.f.* Líquido escuro que deita o esterco. A nosa fonte dáo como s.f. (Gud., Gud5).
12586 **sudre** *s.m.* Ver XURRO /12590. (ERG, JMP).
12587 **surrio** *s.m.* Ver XURRO /12590. (Lemos2).
12588 **surro** *s.m.* Ver XURRO /12590. (ERG).
12589 **xurre** *s.m.* Ver XURRO /12590. (Com1, ERQ).
12590 **xurro** *s.m. Ú. t. en pl.* Líquido mouro que deita o esterco. A nosa fonte en Vala. recolle o plural *xurros*. (Caa., Grixó, Laxe, Muras, Poio1, Toba, Vala., XER).
12591 **zaludo** *s.m.* Ver XURRO /12590. (Saa).
12592 **zalurdo** *s.m.* Ver XURRO /12590. (LG).
12593 **zoldra 1** *s.f.* Ver XURRO /12590. (LG).
12594 **zoldra 2** *s.f.* Poza ou lameira formada polo xurro do esterco. (Piquín).
12595 **zucho** *s.m.* Ver XURRO /12590. (LG, Seo.).
12596 **zudre 1** *s.m.* Ver XURRO /12590. (Com1, CP, ERG, GB2, LG, Mel1, Nove., Sob.).
12597 **zudrio** *s.m.* Ver XURRO /12590. (LG).
12598 **zurraxe** *s.f.* Regueiro formado polo zurro das cortes. (CP, LCA2).
12599 **zurre** *s.m.* Ver XURRO /12590. (ERG).
12600 **zurrio** *s.m.* Ver XURRO /12590. (Ced., ERQ, Lan., Pantón, Parade., Piquín, TCha).
12601 **zurro** *s.m.* Ver XURRO /12590. (Ced., Cre., Cur., Dum., ERG, ERQ, Feás-A, Fri., Gui., Gun., Lan., LG, Mra., Palas3, Per., Razo, Saln3, Sob., Zolle).

9.10. A alimentación do gando

A razón fundamental da abundancia de gando bovino é a fartura espontánea de herba en Galicia, territorio húmido e de clima suave. Por iso, como dixemos en 9.1., a vaca está presente en Galicia polo menos dende o 3.800 a.C. Aquí, máis ou menos, hai herba o ano enteiro e, por parte, dende a época castrexa xa se sabe almacenala (JRCor:81).

A alimentación do gando sufriu grandes transformacións dende os tempos da gandería tradicional que describe esta Monografía ata a actualidade. Nas fontes consultadas xa aparecen algúns usos e denominacións para o penso, de recente introdución, pero son escasas e reflicten a relativa novidade deste produto industrial. Hoxe é a base da alimentación que recibe o gando doméstico.

Pola información que puidemos recoller, a alimentación que se lle daba ó gando vacún baseábase fundamentalmente na herba que pacía directamente no campo ou que se lle daba, fresca ou seca, na corte, ben como complemento daquela, ben como único alimento nos momentos nos que o mal tempo, unha enfermidade ou o postparto impedían que saíse a pacer. Aínda que, nun principio, esta herba era a que medraba espontaneamente nos prados ou nas beiras das leiras, tamén consta a produción de herba como cultivo agrícola propio.

[1448] Plan de xestión de residuos agrarios de Galicia www.siam-cma.org/publicacions/doc.asp?id=248.

Dende a chegada do millo a Galicia, a cana e a folla destináronse a alimento do gando mentres que o gran reservouse para facer pan. Ó desaparecer no último terzo do século XX o consumo humano de pan de millo, tamén a fariña milla pasou a suplementa-la dieta do gando.

O millo serodio, que xa non chega a producir espiga normal, é o precedente tradicional das plantas forraxeiras cultivadas especificamente para almacenalas ensiladas e distribuílas na alimentación do gando durante todo o ano. Na alimentación tradicional do gando aproveitáronse tamén restos da alimentación humana, como veremos en 9.10.10.: froitas e hortalizas pequenas ou algo estragadas, espigas de millo atrofiadas, fariña grosa integral ou simplemente farelo. Tamén se lle deron sempre subprodutos procedentes doutros usos agrícolas como o pendón ou candea do millo, as follas do nabo etc. Algúns destes suplementos alimenticios podían subministrarse directamente ou tras unha cocción superficial.

Falando de cómo mellora o gando coa boa alimentación, presta le-los versos que Crecente Vega titulou *Estes bois de Gontán* (16.1.).

12602 **engorda** *s.f.* Acción de ceba-los animais domésticos. (ERG).

12603 **inorde** *s.m.* Ceba do becerro xa desleitado. (LG).

12604 **pote de quentar [a comida] ás vacas** *s.comp.m.* Pote no que se lle prepara a comida quente ás vacas. *E cólganse os potes, e aquel é o pote de quentar ás vacas, o grande, ¿velo?, alí está*. (Ois).

12605 **abeberar** *v.* Levar [o gando] a beber. (LG).

12606 **acomedar** *v.* Ver ACOMODAR /12608. LG e Xun2 especifican que é darlle na corte. (Com1, Grixoa, LG, Toba, Xun2).

12607 **acomerar** *v.* Ver ACOMODAR /12608. *Pronto comenzaron a chamarlle o Amañecer, debido a que era o primeiro que se levantaba do pobo. Antes de ser día, Patricio xa tiña as vacas acomeradas e munguidas, e perparado todo pra saír as tarefas do campo*. (JEFA:176).

12608 **acomodar** *v.* Estrarlle a corte, muxir e dar de comer [ó gando] á noitiña. *Hai que acomodar o ghado que son as noites longas*. *Acomoda l-o gando ou a facenda* (MVN). *Todo [o] dispoñen os de fóra, sin perguntar siquera a meu pai. Entran, saen, cociñan, acomodan o gando* (XNV:96). *Á tarde vólvese ao monte e pol-a noite acomódase [o gado] deixándolle outra ración de herba* (Velle1:135). *Namentras se acomodaban as facendas a tía Xacoba acendéu o lume e puxo o caldo a quecer* (GB2:166). *Sabela chegara coa herba. Xa era a segunda cesta que traguía. Repartíulla ás vacas nos pisebles pra cando chegaran do pasto, acomodóu os becerros...* (GB2:197). *Cando a facenda vén do monte á noite, aínda se acomoda 'enfarnando' a calda* (Friei.:198). *Xa de moi cedo había misa rezada pra aquela xente que tiña que acomodar o gando, gobernar a casa e facer o xantar prós festeiros* (MC:77). *Dispois de cenar, mandárono a acomodar as vacas e a muxilas e a moza que baixase a axudarlle e a alumarlle cun farol* (Vald3:95). (Ctel1, ERG, Friei., GB2, Grixó, Gud5, MC, MVN, Pantón, Sete-L, Vald3, Velle1, XNV, Xun2).

12609 **adubar 2** *v.* Botarlle adubo na comida [ós animais] cando se lles dá *de baldo*. (Xun2).

12610 **afluír** *v.* Ver AFRUÍR /12611. (Carba1).

12611 **afruír** *v.* Gastar con pouco tento a forraxe de xeito que se acaba antes de tempo. (Piquín).

12612 **apodrar** *v.* Poder mante-lo animal. (ERG).

12613 **arrenxar** *v.* Dar de comer [ó gando] da casa. (Ram.).

12614 **arrombar 1** *v.* Darlle de comer [ós animais], amañalos, coidalos. (Vigo2).

12615 **atender 1** *v.* Acomodar [a vaca], limparlle a corte á tardiña, muxila e darlle herba ou encaldada para que se alimente. (Ctel1, Grixó, Gro5).

12616 **cencenear** *v.* Cortar ou recolle-los *cencenos* en verde para alimenta-lo gando vacún. (ERGa).

12617 **cibar 3** *v.* Sobrealimentar na corte [ó gando], para suplementa-la ración de herba que come no pasto. "*Cíbanse* con *herba*, *folla*, *fariña*, *outono*, etc. [...] Y, si están inapetentes, con *salmoira*, salmuera". (Ancares2:199).

12618 **coller 1** *v.* Apañar, xuntar. *Vou coller herba pró gando*. (ERG).

12619 **empallar 1** *v.* Poñe-la palla a remollo en auga antes de lla dar ás vacas. (Ctel1).

12620 **empallar 2** *v.* Mesturar herba verde con herba seca para darlla ó gando. Ver EMPALLADA 2 /12931. (Fra2, Saln.).

12621 **emparellar** *v.* Botar [unha cría que queda sen nai] a outra vaca con leite para que a alimente. (LG).

12622 **encaldar** *v.* Sobrealimentar [unha vaca parida] nos primeiros días despois do parto. (Com1, Feás-A).

12623 **enfarnar** *v.* Mesturar auga, fariña e salvado para o gando. (Gud5).

12624 **fartar** *v.* Alimentar [o gando] no pasto. *Vengo de fartar los bueys* (VGR). (Gud5, VGR).

12625 **forraxear** *v.* Seiturar e colle-la forraxe para o gando. (ERG).

12626 **mesar** *v.* Sacar a modo do palleiro [a palla que se lle dá ó gando]. (VGR).

12627 **pensar** *v.* Darlles de comer [ás vacas], especialmente pola noite. *Hai que pensa-las vacas antes de írmonos deitar* (Antas4). Arcos e VS danlle o significado xenérico de repartilo penso ó gando. MVN recolle a forma *pensa l-o gando*. (Antas4, Arcos, Mel2, MVN, VS).

12628 **rebatir** *v.* Engordar [o gando]. Supoñemos que se trata da acción de ceba-lo gando, aínda que a nosa fonte non o matiza e tamén podería selo proceso de adquirir peso un animal. (AIA).

12629 **ripar** *v.* Sacar [a herba] da palleira ou pallota para darlla ó gando. (Parade.).

12630 **botar de comer** *loc. v.* Colocar comida ó alcance do gando para que a coma. A nosa fonte recolle *botar de comer ó gando*. *Pola noite, ó voltar pra casa, o mesmo: arregla-las cortes, botar de comer ó gando, atende-los porcos, a cear e a dormir*. (Cos., Ctel1, Grixó).

12631 **dar caldeiro** *loc. v.* Darlle [a unha vaca] unha sobrealimentación a base de fariña, cascos de gran, verdura etc. todo cocido. (Pont.).

12632 **dar de baldo** *loc. v.* Botarlle de comer [ós animais] a encaldada (patacas, nabos, verzas cocidas con farelos ou fariña e sal). (Xun2).

12633 **dar de comer** *loc. v.* Ver BOTAR DE COMER /12630. (Antas4).

12634 **estar de *pala** *loc. v.* Estar [o gando] pechado na corte, *solo a engordar*. (Foncu.).

12635 **manter a cortello** *loc. v.* Alimentar con especial coidado [os sementais], polas súas maiores necesidades. *Os castizos hanse de tere con moito tino y-acomodo; non poden tratárense com'os outros animás; iles teñen d'estar mantidos a cortello xuntand'a sua mantenza un bo anaco de grau*. (FL:5).

12636 **manter con caldeiro** *loc. v.* Alimentar [unha vaca] exquisitamente, con herba e penso. (Pont.).

12637 **non estar con herbas soas** *loc. v.* Estar [o gando] sobrealimentado para que produza máis leite. *...porqu'esas herbas de Tallo/ polo visto son leitares./ Son herbas de muito leite/ herbas de boa nabiña/ e no'stán con herbas solas/ qu'as vacas comen fariña*. (SCHU5/2/26).

12638 **tirar de comer** *loc. v.* Ver BOTAR DE COMER /12630. *Parece que viñera bon día, chovera o necesario de noite e o home tiña que arar. Tiroulles de comer ás vacas e [...] el non desaiounou siquiera*. (Abadín4).

A galiña e a vaca polo bico o papa. (Grou) [1449]
Á galiña e á vaca polo pico se cata. (Carte.) [1450]
A pita e a vaca por o bico che acata. (Carb-L:194)
Á noite bota o teu gado na herba do prado. (VLLM:2,80) [1451]
Á pita e á vaca polo fociño lle entra a nata. (Viana5) [1452]
A pita e a vaca polo pico dan a nata. (XTC4)
A pita e a vaca polo pico dan nata. (XTC4)
A vaca do meu amo, cando non come herba, trai o leite no rabo. (VLLM:1,132) [1453]
A vaca leiteira, boa calda, boa manteiga. (VS) [1454]
A vaca que moito leite ha de dar, pola boca lle ha de entrar. (VS) [1455]
Ao chamado acode o boi do que lle dea a pación. (VLLM:1,156) [1456]
O boi correndo vén ó chamado de quen o mantén. (VLLM:1,156) [1457]
Vén o boi ao chamado do que lle dá a presa. (VLLM:1,156) [1458]
As vacas, si queres que se vaian, bérralles de lonxe. (VS) [1459]

[1449] No texto: *pol-o*.

[1450] Se se lles dá ben de comer, producen.

[1451] Llópiz di que figura con lixeiras vars. no Lic. A. Delicado (s. XVI).

[1452] No texto: *Â pita i-a vaca*.

[1453] Llópiz: *a leite*; di que o recolle de Risco (*Notas para...*, Orense 1954).

[1454] VS comenta que a voz '*calda' falta en nuestros diccionarios, y significa el pienso abundante que ha de darse a los animales para que produzcan.*

[1455] VS: *ll'ha*. Ofrece as seguintes equivalencias castelás: *La leche viene del pienso, que no del hueso* (Sbarbi), *Quien quiera ordeñar la vaca sin alimentarla, sácale sangre y la mata* (Sbarbi).

[1456] Llópiz: *del-a pación*; explica que *pación* é a ración diaria de penso que se lle dá ó gando estabulado. Recólleo de T.E.A. en Neira onda Fonsagrada. Notable a colocación das palabras neste refrán.

[1457] Llópiz recólleo en Monterroso de Milesio Villaronte.

[1458] Llópiz: *dai* (sic); explica que *presa* é a ración diaria de penso que se lle dá ó gando estabulado. Recólleo en Sarria de M. Castro Sobrado.

[1459] VS explica: *Para que el animal tire, es preciso engordarle.* Supoñemos que este refrán alude ó feito de que, cando un animal está ben mantido tira de seu polo arado e polo carro, sen necesidade de que o aguilloen; por iso recomenda *berrarlle de lonxe.*

Coida o prado e terás gado. (VLLM:2,85; PdM:9; UCA2:29; VS) [1460]
Da barriga puxa o boi. (VLLM:1,139) [1461]
En inverno, o gando sobre todo ha de estar ben alimentado. (UCA:35.8)
En inverno, sobre todo, o gando ha de estar ben alimentado. (UCA2:35; VS) [1462]
No inverno mormente o gado ha de estar ben alimentado/ farto/ farturado. (VLLM:2,89)
No inverno o gando ha de estar ben mantido. (ZM:149)
No inverno sobre todo o gando ha de estar ben comido. (UCA:35.7; NevesC; VS)
O gando no inverno ha de estar ben comesto. (ERG:inverno)
O gando no inverno quer estar ben mantido. (ERG:inverno)
O home da vaca e o boi da abada. (VLLM:1,147) [1463]
O home moi picador non é bo mantidor (VS) [1464]
O leite bo vai pola boca. (Muíño) [1465]
O leite da vaca sale do muíño prá casa. (VS)
O que pensa e pensa mal, ten o gado fraco. (VS)
O que queira manter becerros mamotes que os manteña a conta dos sacerdotes. (XTC4)
Pra munguir a vaca hai que darlle herba. (XTC4)

Aí vén a estrela do día
aí vén o día alumbrante
lovantavos carreteiros
botalle palla ó ghando. [1466]

Disme que non teño rendas
para manter o meu home,
da banda de alá do rio
doulle herba que o gando come. [1467]

- Levántate, carreteiro,
bótalle a herba ó gado.
- Inda non é media noite,
inda non cantou o galo. [1468]

Levántate labrador
e bota palla ó ghando
que eí vén a ialba do día
todo o mundo traballando. [1469]

Maruxa, se vas á herba,
cerra ben a porteleira,
que teño un xato no prado,
que quere entrar na trabeira. [1470]

Maruxa se vas á herba olé pun
cerra ben a porteleira cata pun olé pun
que eu teño un xato bravo olé pun
quéreche entrar na pradeira cata pun
olé pun. [1471]

Maruxiña, Maruxiña,
busco herba pró meu gando;
se ti ma dás, Maruxiña,
vou por ela ó teu prado. [1472]

1460 Llópiz recólleo de Carré Aldao.

1461 Llópiz explica que a forza do gando bovino radica na testa pero para que esta forza sexa completa cómpre unha boa alimentación; recólleo de P. Dopico, gandeiro de Arteixo.

1462 VS: *ganado, moi ben alimentado*, e comenta que debe ser así *Para que pueda superar los rigores de la estación*.

1463 Llópiz transmite este refrán que recolleu V. Risco na Xunqueira de Ambía. Manuel de Cacheiro (Ctel1) explica que así como o home se alimenta dos produtos da vaca, o boi precisa tamén do penso, ese suplemento alimenticio que a muller lle leva na abada ou mandil.

1464 VS explica: *El que castiga demasiado a los animales es porque no gasta en alimentarlos*.

1465 *Se habían de dar leite non o daban, porque as crías...fartorece-las crías e non ta-la vaca fartorecida. E o leite tamén. Porque o leite bo vai pola boca. As vacas comen bo millo e témo-lo leite agora boísimo* (Muíño). Explica que a produción de leite depende da calidade da alimentación que reciben as vacas.

1466 SCHU1/2/357. No texto: *lovantávos, botálle*.

1467 VD:290. No texto: *ala, herva*.

1468 TCha:46.

1469 SCHU1/2/269. No texto: *qu'eí, tod'o.*

1470 MRV:49. Descoñecémo-lo significado desta *trabeira*. O DdD non recolle *trabeira.* Pero sí *traveira*: "Cada una de las viguetas que sirven de base a los tiradores que forman la armazón de soporte de los techos de colmo en las pallazas y horros de las montañas de Cervantes" (Carré 1972); e *trabeiro:* "Tablero, anaquel sobresaliente en la pared de la cocina para vasos, platos, etc., en Moreira" (Aníbal Otero: VSP); "umbral de la puerta del hórreo" (San.) (C.García).

1471 SCHU6/2/1035a. SCHU1/2/296 recolle en Ordes outra moi semellante en castelán: *Ai Maruxa si vas al prado/ cerra bien la puertillera/ que hay un torito bravo/ quiere entrar en tu pradera.*

1472 MRV:49. Repítea na px. 50.

Maruxiña, se vas á herba
pecha ben a cancela,
que teño unha vaca tola
que me come toda a herba. [1473]

Rapaza que estás na horta,
collendo un manto de verzas;
bótallas ó boi marelo
e olvida cousas que pensas. [1474]

San Antonio garde o gando
e máis a quen anda con el,
para lle apañar a herba,
para lle dar de comer. [1475]

9.10.1. O presebe

Dentro da corte hai un lugar máis limpo no que se lle bota a comida ó gando. Na corte tradicional é unha pía de pedra para líquidos e un estante de feitura de escada que se colga horizontalmente da parede e formando ángulo con ela. Nas cortes modernas xa existen deseños diferentes que permiten mesmo que a vaca poida recibir auga cando llo pide o corpo e de xeito que o que ha de comer estea sempre nun lugar no que ningún animal pode nunca pisar e que, polo tanto, está sempre limpo.



Gradicela para a herba seca.

12639 **bacía** *s.f.* Vasilla de madeira na que se lle bota a comida ós animais caseiros. (ERG, Zamáns).
12640 **baño** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Anca, Aranga, Beman., Caa., Cab., Com4, Estr3, Feás-A, Gui., Lago, Meir., Neda, Negral, Pade., Parga, Vilar., Vi-Val., Vmaior).
12641 **barcal** *s.m.* Ver BACÍA /12639. (ERG).
12642 **bordeleiro** *s.m.* Presebe cunha porta que comunica directamente co alpendre. (Ced.).
12643 **camarote** *s.m.* Presebe. (Piñor).
12644 **cambaleira** *s.f.* Ver CAMBELEIRA 1 /12645. (Laxosa).
12645 **cambeleira 1** *s.f.* Presebe do gando vacún. Vázquez Saco di que ós de Arcos de Frades (Pol) chámanlle *cambeleiros* e que naquela comarca *cambeleira* é o presebe onde come o gando vacún, con apartados independentes para cada res. *Cucos os de Gondel, cambeleiros os de Arcos, borrachos os de Valonga i-os de Caraño, raposos "*(todos eses lugares son parroquias do concello de Pol)". (Abadín, Ben., Cre., ERG, Gui., LG, Meira2, VS, XCV, Xudán1).
12646 **cambeleira 2** *s.f.* Gradicela en forma de

[1473] RCI:51.
[1474] MRV:50.
[1475] DBP:3791. No texto: *ll'apañar*.

taboleiro con buratos. *Á buqueira pola que* [as vacas] *asoman a cabeza pra alcanzaren a pensa díselle 'cambeleira'* (TCha:145). (Piquín, TCha).

12647 **canto 1** *s.m.* Presebe. En Guil2 especifican que é para darlle a palla ó gando. En Xun2, dábannos *canto da vaca* como "lugar no que se acomoda a vaca", o que interpretamos como un lugar da corte, un espazo no que se acomoda a vaca. Á vista deste novo significado de *canto*, como presebe, xorde a dúbida de se aquel *canto da vaca* non sería tamén o presebe da vaca, sobre todo se temos en conta que *acomoda-lo gando* significa limparlle a corte cunha nova capa de molime pero tamén botarlle de comer á noite. O feito de que o noso informante de Guil2 fale de *canto* para a palla, e de *cunco*, para o penso, fainos aumenta-las dúbidas. (Guil2, Valad1).

12648 **casqueiro** *s.m.* Presebe. (Cabal.).

12649 **cibeira** *s.f.* Presebe. Nótese que *cibo* e *ciballo* son nomes da comida do gando. (VLLM).

12650 **comedeira 1** *s.f. Ú. t. en pl.* Presebe para o gando. Agro., Anseán, Aranga, Arca, Arzón, Bas., Bidu., Buga-A, Buga-N, Calo, Carb3, Cast., Cer., Ces., Com1, Conxo, Couce., Crendes, Cur., Feás-A, Figue1, Fre., Grixoa, Gro1, Gui., Lagar., Laiosa, Lañas, Lava., Lendo., Lestón, LG, Lucí, Mondo2, Morai., Negr2, Noal, Noice., Oroso2, Ortoño, Ped1., Pedro., Pravio, Pre., Razo, Rus, San., Sisto, Sob., Sofán, Vala., Vala1, Valen., XRMF4. Arca, Grixoa, Lucí, Noal, Oroso2 e Pedro. dan a forma de plural *comedeiras*. O noso informante de Lucí di exactamente *comediras*, que coidamos unha errata. LG especifica que se chama así a cada unha das divisións da manxadoira, para cada vaca da corte. (Común).

12651 **comedeiro** *s.m.* Ver COMEDEIRA 1 /12650. O noso informante en Sabu3 especifica que é para a herba seca. Cubi2 escribe *camedeiro*. (Abe., Antas3, Caban., Carr-C, Com1, CReis2, Cubi2, Grixó, Nive., Oirán, Ped1, Sabu3).

12652 **comideira** *s.f.* Ver COMEDEIRA 1 /12650. (Suevos).

12653 **conco 2** *s.m. Ú. t. en pl.* Presebe. *Concos para darlle o mimo*. (Fózara).

12654 **cunco 2** *s.m.* Presebe. En Guil2 especifican que é para darlle o penso. (Cang3, Guil2).

12655 **descargadeiro** *s.m.* Pedra alongada situada no curral e na que se bota o alimento do gando. (Cre.).

12656 **escada 1** *s.f.* Presebe en forma de esqueira que se coloca enriba do verdadeiro presebe para que non tiren a herba na corte. (Cre., Feás-A, LG, Ped1, Ped3, Piquín, Suarna).

12657 **ghrada** *s.f.* Ver GRADICELA /12660. A nosa fonte recolle e escribe *jradas*. (Codeso.).

12658 **grade** *s.f.* Ver GRADICELA /12660. (Antas3, Mon., Parade., Piquín).

12659 **gradeira** *s.f.* Ver GRADICELA /12660. (Parade.).

12660 **gradicela** *s.f.* Estante oblicuo para a herba en forma de pequena escada a través da que o gando colle a herba, verde ou seca. (Sob.).

12661 **herbeiro 2** *s.m.* Presebe. (Codeso.).

12662 **manxadeira** *s.f.* Ver MANXADOIRA /12664. (Porto).

12663 **manxadeiro** *s.m.* Ver MANXADOIRA /12664. (Mel1).

12664 **manxadoira** *s.f.* Presebe do vacún. O noso informante en Paradela explica que a manxadoira consiste nun presebe para o gando vacún, metido no vao da parede medianil entre a corte e a cociña. Consta de *soleira*, *machós*, *lintel* e *cargadeiros* (Parade.:44). *A unha banda e á outra* [da cociña] *corríanse as manxadoiras, ó descoberto, fóra da que cobría a escaleira. Isto tiña a ventaxe de que podían estar ceando ou rezando o resario e ó mesmo tempo atender ás vacas namentras comían* (GB2:50). (Burón, Consta., Cubi2, ERG, Fri., GB2, Gui., Gun., Laxosa, LCA, LG, Negral, Parade., Ped1, Per., TCha, Ver1, XRMF4).

12665 **manxadoiro** *s.m.* Ver MANXADOIRA /12664. (Aldo.).

12666 **manxoeira** *s.f.* Ver MANXADOIRA /12664. (Suarna).

12667 **manxueira** *s.f.* Gradicela en forma de taboleiro con buratos. (Rib-S, Vila.).

12668 **maseira** *s.f.* Presebe. Na Mezquita descríbeno como un presebe de pedra. (Mez., PSeca).

12668b **meixadoira** *s.f.* Ver MANXADOIRA /12664. *Bebían nunha pía; / durmían nunha cama, / na mesma meixadoira / comían e rilaban; / turrábanse diario / e nunca se escornaban; / lambíanse unha á outra; / o lombo, o colo, a cara* (XCV:507).

12669 **menxadoira** *s.f.* Ver MANXADOIRA /12664. (Suarna).

12670 **percebe** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Ribad.).

12671 **persebe** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Com1, Cruído, Miñor2).

12672 **perseble** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Com1).

12673 **persebre** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Laxe).

12674 **pertegueira** *s.f.* Travesaño que divide o presebe en dúas partes. (Gun.).

12675 **peseble** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Burón, Estr4, Fri., Goián, Razo, Samos3, Suarna, Vtose., Zolle).

12676 **pesebre** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Burón, Cod., Com1, Cur., Dozón, ERG, Gro1, Gud., Pantón, Per., Porto, Ram., Salv3, Sob., Ver1. ILG:106 (C:46, LU:20, OU:13, PO:26, GExt.:1)).

12677 **pesebreira** *s.f.* Conxunto dos presebes. (ERG).

12678 **peselbe** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Ibias2).

12679 **peselbeira** *s.f.* Ver PRESEBE /12687. (Ancares2).

12680 **pexegueira** *s.f.* Ver PRESEBE /12687. (Baltar, LG, Nogais).

12681 **pexugueira** *s.f.* Ver PEXEGUEIRA /12680. (Baltar).

12682 **pía** *s.f.* Comedeiro cóncavo onde se lle bota a

comida ó gando. Aplícase máis ó comedeiro dos porcos. (Com1, Dum., Goián, Gro1, Gui., PSeca, Ram., Toba, Ver1, XLF, Xun.).

12683 **pilo** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Piñei2).

12684 **piseble** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. *Sabela chegara coa herba. Xa era a segunda cesta que traguía. Repartíulla ás vacas nos pisebles pra cando chegaran do pasto*. (GB2:197).

12685 **pisebre** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Mra., Vill-O).

12686 **poxigueira** *s.f.* Burato a través do cal se lle bota a caldeirada ó gando. (LG).

12687 **presebe** *s.m.* Recipente fixo ou móbil no que se lle bota a comida ó gando. Ten forma de vertedeiro ou de estante inclinado. (Abe., Anseán, Borre., Burela1, Cruído, Figue2, Friei., Ibias1, Lamas, Lampón, Pal., Ped1, Ribe1, Ver1, Vixoán, XRMF4, Xun.).

12688 **preseble** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Bar-Co., Cam4, Carbal., Negral, Ver1).

12689 **presebre** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Bolo2, Borre., Busta., Cal., Carr-G, Casal., Chan., Com1, Cre., Feás-A, Oliv., Piñei., Rama., Somo1, Tab1, Veste., Vil., Vrei.).

12690 **presel** *s.m.* Ver PRESEBE /12687. (Fol-LE, Raiaseca, Ver1).

12691 **preselbeira** *s.f.* Ver PRESEBE /12687. *Contra as paredes* [da estrevariza] *están as 'preselbeiras' para botarlle a comida ós animais* (Ancares:218). (Ancares, Ancares2).

12692 **rexado** *s.m.* Ver GRADICELA /12660. (Parade.).

12693 **xambeta** *s.f.* Tabique (de pedra ou madeira) que divide a manxadoira en varios ocos individuais para cada vaca. (LG).

12694 ***bacita** *s.f.* Recipiente no que se lle dá o penso ó gando. (Mohías, Vigo-O).

Boi vello ó que se lle troca o palleiro, no novo deixa o pelexo. (VLLM:1,136) [1476]
O boi vellouqueiro conoce ó seu amo e ó seu comedeiro. (ERG:boi) [1477]
Por santa Cecilia, o boi á cibeira. (VLLM:1,151) [1478]

Agora que estou baleira
queres vir á miña herba;
vai busca-la comedeira,
ponte ó lado da Marela. [1479]

Fun tunar cunha rapaza
xunto ó pesebre dos cuxos
e namentras lle falaba
farteime de fapanduxos. [1480]

9.10.2. O bebedeiro

12695 **batuqueiro 1** *s.m.* Bebedeiro. (Xun.).

12696 **bebedeiro 1** *s.m.* Pía onde habitualmente bebe o gando. (Ced., Com1, Cur., ERG, Grixó, Gud., Gui., Incio, Mez., Sob., Vala., Ver1, Xun.).

12697 **bebedoiro 1** *s.m.* Ver BEBEDEIRO 1 /12696. (CP, ERG, Laxe).

12698 **bebedoiro 2** *s.m.* Lugar do río a onde se leva o gando a beber. (ERG).

9.10.3. A barra e o palleiro

O gando, na corte, aliméntase fundamentalmente con herba seca e penso. Mesmo cando vai pacer cómpre suplementa-la alimentación e recórrese a estes produtos. E tamén hai que preve-la mantenza do gando nos meses de inverno, cando o tempo non permite leva-lo gando a pacer ós prados. Para almacena-la herba, o gandeiro recorre á barra, que ás veces é unha construción anexa á corte e outras veces forma parte desta, e que consiste nun piso de madeira sobre o gando, dende o que se colle a herba necesaria para botarlla directamente no presebe.

[1476] Llópiz explica que ós animais domésticos, cando son vellos, non é ben cambiárlle-los andares (*adoitos*) porque se axeitan mal ós novos xeitos: boa metáfora dos perigos do desarraigo; recólleo en Abadín (Lugo). Na Enciclopedia Espasa explícase que non é ben para os vellos cambiar de clima e de alimentación, porque expoñen así a súa vida e saúde. Eladio Rodríguez dános esta variante: *A burro vello, múdalle o alimento e darache o pelexo* (ERG:burro).

[1477] A E. Espasa dá un paralelo cast.: *El buey y el asno conocen su pesebre y á su amo*, e coméntao así: *Significan que hasta los irracionales enseñan á las personas a ser agradecidas.*

[1478] Santa Icía é o 22 de novembro. Nese tempo xa van feitos os traballos agrícolas que precisan bois e estes xa levan un tempo descansando por gándaras e montes; os fríos sucesivos poden facerlle mal ó gando e por iso se aconsella recollelo na corte, onda o presebe (*cibeira*).

[1479] MRV:49.

[1480] MRO. No texto: *xunt'ó pesebre d'os*.

O perigo de incendio fixo que tradicionalmente se acumulase a maior parte da palla formando unha meda arredada da casa: na eira había un ou varios palleiros. Un palleiro é unha meda de palla ou herba, en forma de cono redondeado, que asenta sobre unha plataforma de paus cruzados que non tocan o chan e que así illa da humidade a palla ou herba. Desa plataforma arrinca un pau vertical que chega ó máis alto do palleiro e que é o que lle dá estabilidade ó conxunto. Pero a estabilidade non depende só do *pau do palleiro* senón da habilideira forma de ir asentando a herba en camadas sucesivas formando ese perfil de cono abombado. Por ser unha despensa que quedaba o ano enteiro ó ventimperio, requería unha arte especial conseguir que a auga da choiva esvarase e non penetrase no interior do palleiro producindo podremia. Parte da arte desta eficaz impermeabilización estaba no remate ou curuto e eran moi aprezadas as persoas que sabían rematar ben un palleiro. Ctel1 facíaos tan eficaces como elegantes, trenzando con palla unha capa cónica de colmo (palla de centeo) que asentaba sobre uns paus en cruz horizontal situados a trinta centímetros do máis alto do pau e que ataba con forte presión no curuto recortándoa en forma de brocha de afeitar.

12699 **alzadeiro** *s.m.* Barra próxima á corte na que se pon a herba que se lle vai dar ó gando. En Piquín está enriba mesmo do presebe. (Burón, CP, Piquín, Suarna).

12700 **barra 1** *s.f.* Especie de faiado das cortes para gardar froita, apeiros de labranza, herba seca etc. *A palla [...] gárdase nas barras das coadras pra vianda do gando* (ROP1:51). *Algús* [pendellos] *teñen a sua barra ou unha costrución de madeira enreixada, comedeira, pra gardar a herba fresca* (ROP1:98). (Com1, Dum., ERG, Grixó, LCA1, Marín, Mon., Ped1, Razo, ROP1, San.).

12701 **barreira** *s.f.* Especie de barra para ensila-la herba seca. (Incio).

12702 **barrela** *s.f.* Ver BARRA 1 /12700. (Cab.).

12703 **barrelo** *s.m.* Ver BARRA 1 /12700. (LG).

12704 **barreta** *s.f.* Armazón de madeira a modo de sobrado que se fai sobre as cortes para ter á man a herba de inmediato consumo. (ERG).

12705 **bastardo** *s.m.* Barra ou alzadeiro na corte do gando, colocada sobre o presebe, onde lle colocan a herba. (Com1, CP, ERG, Feás-A, Laxe, XRMF4).

12706 **batumeira** *s.f.* Lugar das cortes onde se ten o batume con que se ha de mante-lo gando (ver BATUME 2 /12923). (ERG).

12707 **cileiro** *s.m.* Dependencia onde se garda a herba. (ERGa).

12708 **comedeira 2** *s.f.* Sinxela construción nas casas formando coma un enreixado e que serve para garda-la herba para o gando. Eladio Rodríguez define realmente como construción "para guardar la hierba fresca para el ganado". Modificámo-la definición porque o que nos describe é un método para seca-la herba e o que se conserva alí é herba seca para o inverno. (ERG).

12709 **cuberto 1** *s.m.* Dependencia separada da casa ou exterior a ela onde se garda a herba e outros apeiros de labranza. (Grixó).

12710 **chete** *s.m.* Taboleiro de madeira, enriba dos presebes dunha corte, onde se pon a forraxe diaria para o gando. (CP).

12711 **harbeiro** *s.m.* Barra na casa ou na corte onde se deixa herba para o gando. (Laxe, Razo).

12712 **herbeira 1** *s.f.* Palleiro para conserva-la herba seca que durante o inverno se dá como penso ás vacas. (Arcos).

12713 **herbeiro 3** *s.m.* Barra na casa ou na corte onde se deixa herba para o gando. (Sob.).

12714 **loxa** *s.f.* Cuarto nun recanto ou baixo a esqueira onde se gardan alimentos para a xente ou para o gando. (Xun2).

12715 **palleira** *s.f.* Dependencia onde se garda a herba, disposta nunha especie de sobrado, sobre a corte. (Bale., Raiaseca).

12716 **palleiro 1** *s.m.* Meda de palla ou herba en forma de cono abombado en torno a un pau vertical e rematado nun cono de colmo que impermeabliza o conxunto e que permite conservala todo o ano. (Común).

12716b **palleiro 2** *s.m.* Ver PALLEIRA /12715. *Sempre lle ten o pesebre ('presel') ben aviado, o 'palleiro' ou 'palleira' recheos de feno (herba), para o inverno* (Raiaseca:130). (Ancares2, Raiaseca).

12717 **parreira** *s.f.* Ver PARREIRO /12718. (Ancares).

12718 **parreiro** *s.m.* Espazo sobre a corte no que se garda a herba para o gando. *Sobre as trabes das tesoiras vai o 'parreiro' ou 'parreira', que se enche de herba, e que tamén fai de dormitorio para os nenos e os mozos*. (Ancares:218).

12719 **penseiro 1** *s.m.* Faiado onde se pon a herba verde ou calquera outra forraxe para pensa-lo gando. (Arcos).

12720 **sobrado** *s.m.* Espazo enriba da escada onde se pon a herba para o gando. (Gud.).

12721 **escaleira da barreta** *s.comp.f.* Escada portátil que dá servizo á barra ou barreta onde se deposita a herba. (ERG).

12722 **pousadoiro da vianda** *s.comp.m.* Taboleiro construído a certa altura, onde se poñían os feixes de nabos e viandas para o gando, trebellos etc (Parade.).

9.10.4. Alimentos en xeral

12723 **amasada** *s.f.* Ver CALDEIRADA 2 /12726. (LG).

12724 **calda** *s.f.* Comida quente para as vacas paridas, feita de patacas, nabos e verzas cocidas con farelos e unha migalla de sal. *No inverno sobrealiméntanas cunha calda* [var. encaldada, tinada]*, ou sexa, un caldeiro con auga quente e relón, nabos, patacas defectuosas, tonas de pataca ou verzas, e unha presa de sal* (XRMF4:87). *As vacas paridas saen ó monte no inverno cubertas cunha esteira ou manta das vacas e, para que dean máis leite, son sobrealimentadas cunha calda* (XRMF4:88). *Despois fáiselle unha 'tinada' ou 'calda', que se obtén botando en auga quente mondas de patacas, patacas pequenas ou nabos ou farelos e sazonándoo cunha presa de sal* (Velle1:135). (Amandi, Antas3, Chan., Fara., Mon., Pantón, Parade., Piñe., Piñei2, PSeca, Ribó, Velle1, Vrei., XRMF4, Xun2).

12725 **caldada 2** *s.f.* Comida que se lle dá ó gando no inverno, á mañá e á noite, feita de nabos cocidos con fariña. (Mel2).

12726 **caldeirada 2** *s.f.* Mestura de verzas esmiuzadas e fariña basta ou farelo en auga quente. (LG).

12727 **caldufa** *s.f.* Caldo para os porcos e outros animais. (Arcos).

12728 **ciballo** *s.m.* Comida do gando. ERQ faino extensivo a calquera alimento, en pequena cantidade, especialmente un anaco de carne. (VLLM).

12729 **cibo** *s.m.* Ver CIBALLO /12728. (VLLM).

12730 **empallada 3** *s.f.* Mestura de herba e palla que se lle dá ó gando, especialmente ás cabalerías. (ERG).

12731 **enxoughadallo** *s.m. desp.* Caldeirada, comida moi augada. *Boteille un enxoujadallo ó jado e ten fame*. (Xun2).

12732 **galloufada** *s.f.* Ver CALDA /12724. (Parade.).

12733 **gaspallo 2** *s.m.* Mestura de cousas diversas que se lle dá ó gando como comida. (Com1, LG).

12734 **lavadura** *s.f.* Restos de comida que se lles dan ós animais en forma de caldo. PCal2 e Xeve recollen *labadura*. (Agro., Carño2, Figue2, Grixoa, Ortoño, PCal2, Xeve).

12735 **levadura** *s.f.* Ver LAVADURA /12734. (Fol-C, Gaxate, Mour1, Verdu.).

12736 **manturio** *s.m.* Alimento dos animais. (Lemos1, Lemos2, Pantón).

12737 **maraballa** *s.f.* Restos mesturados de verzas, leitugas e outras verduras que se lle dan ó gando. Gud5 escríbeo con uve. (Gud5, LG).

12737b **millarada** *s.f.* Dieta da vaca a base de planta de millo verde (Barro, CLam3, Grixó).

12738 **postura 3** *s.f.* Ración de palla, herba ou penso que se lle bota ós animais. (VGR).

12739 **pote** *s.m.* Comida quente para o gando. (Com1).

12740 **tinada** *s.f.* Comida suplementaria que se lle dá á vaca parida. Supoñemos que se chama así polo feito de darlla nun balde ou tina. (Cervá1, Velle1, XRMF4).

12741 **vianda 1** *s.f.* Comida do gando. *A palla [milla] gárdase nas barras das coadras pra vianda do gando* (ROP1:51). (Pantón, Ped1, ROP1, Xun.).

12742 **comida enxuta** *s.comp.f.* Alimento concentrado e seco que pode ser herba seca, penso, gran ou fariña. A nosa fonte di que se lles dá ás vacas paridas. (Frei.).

12743 **comida seca** *s.comp.f.* Ver COMIDA ENXUTA /12742. (Couso).

12744 **cousa de seco** *s.comp.f.* Ver COMIDA ENXUTA /12742. (Cur1).

Ao boi cansado trócalle o ciballo. (VLLM:1,128) [1481]
Ao chamado acode o boi do que lle dea a pación. (VLLM:1,156) [1482]
O boi correndo vén ao chamado de quen o mantén. (VLLM:1,156) [1483]
Vén o boi ao chamado do que lle dá a presa. (VLLM:1,156) [1484]

[1481] Llópiz: *trócall'o*; explica *ciballo* ou *cibo* como *clase de alimento*. Cita a A. Valenzuela Ozores, 1865. Tamén existe *A cabalo cansado, mudarlle o prado* (ERG:cabalo).

[1482] Llópiz: *del-a pación*; explica que *pación* é a ración diaria de penso que se lle dá ó gando estabulado. Recólleo de T.E.A. en Neira onda A Fonsagrada. Notable a colocación das palabras neste refrán.

[1483] Llópiz recólleo en Monterroso de Milesio Villaronte.

[1484] Llópiz: *dai* (sic); explica que *presa* é a ración diaria de penso que se lle dá ó gando estabulado. Recólleo en Sarria de M. Castro Sobrado.

9.10.5. O prado



Vacas rubias pacendo en Curtis.

O prado é un recurso nutritivo fundamental na alimentación do gando, constituído por unha comunidade vexetal herbácea, de diversa natureza (mestura de gramíneas e de leguminosas, fundamentalmente herba de Vigo, dactilo, festuca e trevo) e aproveitado directamente, mediante pastoreo directo, ou por sega, dándolle ó gando a herba na corte en forma de ensilado, feo etc. As características dos prados varían moito en función da topografía, da estrutura do chan, do grao de humidade (natural ou regadío), da concentración ou preponderancia dunhas especies sobre outras, presenza de especies arbustivas ou arbóreas etc. así como da presión exercida polo propio gando durante o pastoreo.

Téndese a chamar **prado** as formas naturais, espontáneas, e **pradería** as sementadas como produción agrícola e, en certo sentido, artificiais. Como cultivo forraxeiro, estas praderías son temporais e forman parte dunha rotación de cultivos, mentres que os prados son permanentes, con ou sen períodos estacionais de maior ou menor secura; tamén adoitan seren fertilizados con esterco ou abonos químicos e recibiren tratamentos para regula-la acidez do solo.

Non incluímos neste capítulo os cultivos forraxeiros monofitos (millo, sorgo, herba de Vigo, alfalfa etc.) porque o seu aproveitamento é sempre por sega e non son obxecto de pastoreo.

A cuantificación da superficie destinada en Galicia á produción de herba variou nos últimos cincuenta anos, como consecuencia do abandono da agricultura, da desertización do territorio e da reestruturación parcial da gandería. Por parte resúltanos difícil establece-la cantidade real, porque as diferentes fontes estatísticas manexan criterios e parámetros diferentes, co que os datos dunhas fontes non son comparables cos das outras [1485].

Falando dos prados, presta le-los versos que Manuel María titula *O pasteiro que foi prado* (16.1.).

12745 **abraño** *s.m.* Ver BRAÑA /12758. (Oirós).
12746 **acantoamento** *s.m.* Sitio retirado onde pode pacer libremente o gando enfermo, arredado do resto para non pegarlle o mal. (ERG).
12747 **alzada 2** *s.f.* Parte do monte comunal máis aproveitable para pasto ou para cultivar herba, por se-la máis cha. *Nos Ancares chaman 'alzada' e en Ourense 'branda' o monte ó que soben o gando no verán para aproveita-los pastos frescos. Son montes que superan os*

[1485] Segundo datos da Consellería de Agricultura (FBN), Galicia en 1989 dispoñía de 129.000 ha de pastizais e 205.000 ha de pradeiras naturais. Pero a GEG2 (s.v. *Agricultura*) dicía no ano 2000 que había 166.864 ha de pradería, que producían 8.716.666 toneladas, e 27.415 ha de millo forraxeiro, con 1.154.826 t. A totalidade desta produción foi para autoconsumo na propia explotación. E (s.v. *Prado*) dicía "A superficie destinada a prados... pasando de 175.000 hectáreas en 1955 a 255.000 en 2000". Pola súa banda, o IGE daba para 2003 e 2005 unha superficie de terras para pastos permanentes de 504.135 e 566.490 ha respectivamente; e para o 2006 unha produción de 2,2 millóns de t de millo forraxeiro e 7,6 millóns de t de herba de prado [http://www.ige.eu/ige]. En 2007 estas cifras eran xa de case 2,3 millóns de t de millo e de case 10,4 millóns de t de herba (*Estatística Básica Galicia 2009*).

1.100 metros e que non soen quedar a máis de oito quilómetros da aldea que os explota. Este sistema de alzadas é ben coñecido noutros países europeos e noutras comunidades españolas. En Asturias, por exemplo, está bastante máis estendido que en Galicia. Por dúas razóns: porque no noso país non abundan os lugares de alturas elevadas e pola acidez dos nosos solos que dá pastos de altura máis ben pobres. Nos Ancares a explotación dunha determinada alzada correspóndelle en exclusiva a unha soa aldea. O período de pastoreo no monte alto, variable de acordo coas condicións climáticas, soe abarcar de xuño a setembro. Se a alzada queda cerca, o gando sobe e baixa cada día; se queda lonxe, permanece nela o período estival completo. Neste caso sobe a vivir á alzada unha persoa de cada casa, case sempre un home; nunca se despraza a familia enteira. Noutras zonas hai pastoreo por rolda (XRMF4:86-87). *'Alzada' e 'braña' non son sinónimos, aínda que ás veces se confundan. Da primeira distíguense dous tipos: 'asturianas', ás que xunto co gando suben todos os veciños ó chegar o bo tempo, polo que teñen que dispoñer doutra vivenda completa arriba. Anque lle dicimos 'asturianas' por ser onde había máis, non moi lonxe dos Ancares está a de Campo de Auga, onde ían os da Aira da Pedra a pasar o verán e a recoller o froito. E 'galegas', ás que co gando non van máis que un ou dous membros de cada familia (polo xeral sempre homes), posuíndo cada quen a súa casa propia (antes palloza), con lareira e corte. En ambas as dúas había cultivos, sobre todo centeo* (Ancares:379-380). (Ancares, XRMF4).

12748 **anello 2** *s.m.* Prado permanente. (Covelo).

12749 **apacentadeiro** *s.m.* Prado. (ERG).

12750 **apastadeiro** *s.m.* Prado natural que non se sega senón que se pace. (Beariz, Mon.).

12751 **apastadoiro** *s.m.* Prado. (ERG).

12752 **ariño** *s.m.* Pradeira que se forma nas beiras do río. Rivas Quintas faino proceder da raíz hidronímica *ar-*, auga, auga corrente (Lim6:546). (Lim6, Rosal2).

12753 **batuqueiro 2** *s.m.* Prado encharcado. Tamén en Xun., *batuqueiro* é abrevadeiro. (Xun.).

12754 **boedo 2** *s.m.* Terreo pantanoso no que medra espontaneamente a herba e ó que se leva a pace-lo gando. (ERG, XLF).

12755 **bostelo** *s.m.* Sitio onde pacen os bois. (FMS, LG).

12756 **bouza** *s.f.* Martín Sarmiento dáo como lugar de pasto dos bois. Esta acepción non é moi común e, de feito, os outros lexicógrafos non a recollen e, como moito, algúns falan de terreo de monte roturado para sementar centeo. Xaquín Lorenzo, por exemplo, di que *nuns lugares desiña un terreo cheo de arbres e monte baixo, namentras que noutros é o que tén somentes monte baixo* (XLF:176). Pero recentemente ERQ3, si, recolle esa acepción con estas palabras: "Herbazal, terreno con hierba alta y espesa. Treboedo de Maside, Our." (ERQ3, FMS).

12757 **branda** *s.f.* Monte alto no que o gando atopa no verán pasto fresco e abundante. Ve-lo comentario a ALZADA 2 /12747. (ERG, ERQ, XRMF4).

12758 **braña** *s.f.* Prado con auga perenne, pasto de verán que, polo común, está na subida a un monte onde hai humidade. Este podería se-lo uso máis común da voz *braña*, pero nos distintos puntos de Galicia introdúcense determinados matices que fan cambia-lo significado. Xaquín Lorenzo explícano-lo seguinte: *Dánselle varias acepcións a iste nome anque todas indican un terreo pra pastos. O máis corrente é desiñar coíl os anacos de monte a que se rube a facenda polo vran cando falla o pasto no monte baixo* (XLF:178). Tiago Vidal intentou diferencia-los conceptos de *gándara* e *braña* e respecto a estas últimas díno-lo seguinte: *Este nome* ['brañas'] *aplícase en Galicia a realidades moi diversas. Mentres en Feás, por exemplo, designa de modo claro unha formación higroturbosa, descrita como 'terreno frío y encharcado por el que discurre el agua muy lentamente debido al mal drenaje y sobre todo a los hoyos producidos por el ganado que allí pasta, su vegetación es la de monte bajo'* (Couceiro 1976 [Feás-A]), *na comarca de Compostela denomínanse así diversos lugares que só teñen en común a abundancia de humidade, tales como 'monte algo encharcado que sirve al pastoreo; terreno improductivo a causa de la humedad; terreno bajo y pantanoso inundado generalmente en invierno; prado muy húmedo'* (García 1974 [Com1]). *No Grove, a palabra designa un 'terreno de gran extensión sin cultivar', pero 'también se llama así a un prado con abundancia de agua'* (Enríquez 1974 [Gro1]). *No val dos Ancares utilízase para un 'pasto de verano que, por lo común, está en la falda de algún monte donde hay agua y prado* (Fernández 1981). *Noutras partes, como por exemplo en Santa Comba, refírese a un 'prado encharcado de agua' que 'suele tener juncos y hierbas altas'* (Seco 1971 [SComba]), *e de aí que en Sada designe a 'marisma'* (Ríos Panisse 1974 [Sada]).

Por outro lado, no nordeste de Galicia e nas terras asturianas de lingua galega, segundo Antón Santamarina (com. pers.) 'braña' designa as terras altas da serra, por oposición ó val, sen necesidade de que haxa nelas ningunha zona encharcada (TVF). *Cada lugar contaba con montes comunais próximos nos que pastaban conxuntamente as cabras ou ovellas, e tamén dispoñían nas cotas altas da serra das chamadas 'brañas', pastos de vran ós que se levaban as vacas de todos os veciños, distantes entre dúas e tres horas a pé* (Ancares:142). (Ancares, Ced., Com1, Cur., Dum., ERG, Feás-A, Fri., Gro1, Gui., Gun., Laxe, LG, Mel1, Razo, Sada, San., SComba, Sob., TVF, Vala., VLLM, XLF).

12759 **brañal** *s.m.* Ver BRAÑA /12758. (Com1, Dum.).

12760 **brañeira** *s.f.* Ver BRAÑA /12758. (Mogor).

12761 **brañeiro 1** *s.m.* Ver BRAÑA /12758. (Oirós).

12762 **brañoco** *s.m.* Braña pequena. (Gui.).

12763 **brañoeiro** *s.m.* Ver BRAÑA /12758. (Mel1).

12764 **buguizo** *s.m.* Prado que non ten a herba cumprida. (Pentes1).

12765 **busto** *s.m.* Extensión de terra destinada a pasto do gando. LCA1 matiza que é terreo de monte cercado, no que se deixa o gando ceibo a pacer. A palabra parece viva no galego dos Oscos e todos citan a Cotarelo Valledor. Véxase o que diremos no capítulo da toponimia (15.2.7.) (ERG, ERQ3, LCA1, LG).

12766 **cadabullo 1** *s.m.* Prado pequeno no que se corta a herba en verde para o gando. (Tioira1).

12767 **campa** *s.f.* Ver CAMPOSA 1 /12782. (Per.).

12768 **campaza** *s.f.* Ver CAMPOSA 1 /12782. (Incio).

12769 **campazo** *s.m.* Ver CAMPOSA 1 /12782. (Ped.).

12770 **campeiro** *s.m.* Prado. (Caa., Cab.).

12771 **campela 1** *s.f.* Prado pequeno. (Burón).

12772 **campela 2** *s.f.* Ver CAMPOSA 1 /12782. (Laxe).

12773 **campelo** *s.m.* Prado pequeno e de secano. (Ced., Sob.).

12774 **campía** *s.f.* Ver CAMPOSA 1 /12782. (Com1).

12775 **campiñela** *s.f.* Ver CAMPOSA 1 /12782. (Suarna).

12776 **campio** *s.m.* Prado no que se deixa crece-la herba para segala e adicala á mantenza do gando. (ERG).

12777 **campío** *s.m.* Ver CAMPOSA 1 /12782. Eladio Rodríguez defíneo como "prado", sen máis explicacións cá de que o toma de Murguía. (Com1, ERG, Incio, Sob.).

12778 **campo 1** *s.m.* Terreo destinado á produción de herba. Precisa moita auga e das regas depende a calidade e cantidade de herba. (XLF).

12779 **campo 2** *s.m.* Prado de secano. (Mez1).

12780 **campón 1** *s.m.* Prado de secano ou rego temporal. (ERG, Sob., Vala.).

12781 **campón 2** *s.m.* Prado grande adicado a pasto. (Cab., Feás-A).

12782 **camposa 1** *s.f.* Lugar no monte onde medra a herba espontaneamente e se utiliza como pasto. *No inverno estaban fracotas deica aló polo marzal; entón engordaban un chisco co agromar das carpazas e o verdecer das camposas* (XVP1:17). (Caa., Ced., Com1, Cur., Dum., Feás-A, Gui., Mel1, Nove., San., Sob., Toba, Vala., XVP1).

12783 **camposa 2** *s.f.* Prado moi pequeno. (Gun.).

12784 **camposo** *s.m.* Prado moi pequeno. (Feás-A).

12785 **coído** *s.m.* Prado que ten auga permanente. (ERG).

12786 **comareiro 2** *s.m.* Prado pequeno, cercano ó lugar, cercado e estimado, onde se deixa o gando a pacer. (Cerd1, Ctel2).

12787 **cómbaro 2** *s.m.* Prado de secano. (ERQ, Lagoa).

12788 **corga** *s.f.* Prado pequeno e algo costento. (ERG, Mra., Ram., Xun.).

12789 **corgo** *s.m.* Prado pequeno, cerrado, de pouco rego e cercano á casa onde se deixan animais pacéndoo en fresco. (Viana, XLF).

12790 **cortiña** *s.f.* Prado cercado. Aníbal Otero escribe *curtiña* e explícao como "prado o labrantía pegado a la casa". (ERG, Piquín).

12791 **cortiñeiro** *s.m.* Ver COMAREIRO 2 /12786. (Mede.).

12792 **coutada** *s.f.* Parte do monte comunal que se acouta para pastos e no que o gando permanece durante todo o verán. Xaquín Lorenzo dálle a *coutada* o significado xeral de *anaco de monte pechado con muros ou sebes*, pero engade que *en certos sitios, coma en Viana do Bolo (Ourense), dáselle iste nome ó comunal que se veda durante o vran para pastal-a facenda e que preparan denantes con rozas e queimas* (XLF:177-178). (Conso, Viana, XLF).

12793 **chabasqueiro** *s.m.* Pasteiro de mala calidade, de secano, con algún pequeno bosque no medio. (Canizo, Friei.).

12794 **chabosque** *s.m.* Ver CHABASQUEIRO /12793. (Mez3).

12795 **chabosqueiro** *s.m.* Ver CHABASQUEIRO /12793. (Mez3).

12796 **chamazo** *s.m.* Prado que ten auga de manancial propio para regarse. (VGR).

12797 **chan** *s.f.* Prado natural e plano no alto dunha serra na que hai gando en réxime de liberdade. (Ctel2).

12798 **chousa** *s.f.* Terreo, frecuentemente de monte, cercado para pasto do gando sen necesidade de pastor. Do latín *clausa*. (Burón, Caa., Cab., Cod., Com1, Cre., Cur., Feás-A, Fri., Gui., Gun., Laxe, Mel1, Mon., Ram., Razo, Sada, San., SComba, Sob., Suarna).

12799 **chouso** *s.m.* Ver CHOUSA /12798. (Cod., Nove., Ped1).

12800 **chouza** *s.f.* Prado de secano ou rego temporal. (ERG).

12801 **defesa** *s.f.* Ver DEVESA /12802. (ERG).

12802 **devesa** *s.f.* Parte de terreo cercada e adicada a pasto de gando. Eladio Rodríguez recólleo das dúas formas: *debesa* e *devesa*. Xaquín Lorenzo non lle dá esta utilización gandeira, e define a *devesa* como "finca destinada a leña, ben seña de arbres, ben de monte, con uces, xestas, etc." (XLF:176). (ERG).

12803 **eiro** *s.m.* Prado pequeno recuperado dun terreo inculto ou do monte. Tamén se denomina *eirello*. (Ancares2).

12804 **esteo** *s.m.* Pastizal cativo pero facilmente utilizable. *Un esteu pró ganado*. (Piquín).

12805 **folgada** *s.f.* Prado natural. (JMP, Mond3).

12806 **freita** *s.f.* Terreo escarpado e pendente, perigoso para anda-lo gando. (Seoane2).

12807 **gabañón** *s.m.* Porción de prado segado. (Xun.).

12808 **gandarón** *s.m.* Monte con vexetación pobre ou devesa con monte sen moita costa. (VLLM).

12809 **harbal** *s.m.* Prado. ERG escríbeo *arbal*. (PUme.).

12810 **herbado** *s.m.* Prado. (VLLM).

12811 **herbal** *s.m.* Prado. Rivas Quintas especifica "prado de hierba para segar". (ERG, ERQ2).

12812 **herbazal** *s.m.* Prado. (ERG).

12813 **herbeira 2** *s.f.* Prado. (VLLM).

12814 **herbeiro 1** *s.m.* Prado que produce moita herba. (JMP).

12815 **invernadeiro** *s.m.* Lugar destinado para pace-lo gando no inverno. (ERG).

12816 **lagucheira** *s.f.* Prado con auga sempre, terreo moi húmido e herboso. (Donís2, Marín1).

12817 **lama** *s.f.* Prado comunal. En Medeiros (Ourense) oponse ó *lameiro* (prado privado). Xaquín Lorenzo, que tamén recolle esta voz en Viana do Bolo, di que é un *anaco de monte destiñado a pastal-a facenda; adoita ser comunal e aprovéitano todolos veciños conxuntamente ou arréndano a algún que o disfroita soio. Iste arrendamento faise por subasta ou puxa no mes de xaneiro e dura un ano* (XLF:178). (Mede., XLF).

12818 **lamarga** *s.f. Ú. m. en pl.* Prado moi húmido. "Otra variante de prado son *as lamargas ía lamarguizos* o prados muy húmedos, correspondientes a las *llamargas*, *carrizales* o *praos* de Oseja y a los *prascones*, *xaratales* o *camperas* de Lena". (Ancares2:132).

12819 **lamarguizo** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver LAMARGA /12818. (Ancares2).

12820 **lameira** *s.f.* Prado regado con auga procedente de regatos e fontes. "La lameira del carballón". (VGR).

12821 **lameiro 1** *s.m.* Prado natural de terra chá e con moita humidade, para pasto do gando. Para ERQ é o nome máis usado por prado. *Lameiros son os prados de outono, herba que se colle en verde pra facenda. En xeral pequenos, están en lugar fondo, húmido. Son propiedade particular. [...] Campos son os prados de secano; lameiros son os da sega* (Friei.:202). (Ancares2, Burón, Cal., Ced., Com1, ERG, ERQ, Feás-A, Friei., Gro1, Gro5, Gud5, LG, Mez., Mez1, Mra., Ped1, Ram., ROP1, XER, XLF, Xun.).

12822 **lameiro 2** *s.m.* Prado privado. En Medeiros (Ourense) oponse á *lama* (prado comunal). (Mede.).

12823 **lamela** *s.f.* Prado pequeno para verde. En Paradela designa un prado natural. (Lugo1, Parade.).

12824 **lamelo** *s.m.* Prado natural. (Parade.).

12825 **lamorqueiro** *s.m.* Ver LAMEIRO 1 /12821. (Incio).

12826 **lindeiro** *s.m.* Prado de secano a onde se leva o gando a pacer. (Burón, Caa., Cab., Ced., Ped1, Piquín, Suarna, Vala.).

12827 **mallada 1** *s.f.* Lugar onde pasta a facenda no monte. (Gud5).

12828 **mantencia** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver MANTENZAS /12829. (Sob.).

12829 **mantenzas** *s.f.pl.* Conxunto de prados propiedade dun gandeiro, ós que leva a pasta-las súas vacas. (LG).

12830 **monte 1** *s.m.* Calquera terra con herba para pasto do gando, tanto a situada nos montes, como tal, como prados, marxes dos ríos, beiras dos camiños etc. (Velle1).

12831 **namela** *s.f.* Pasto con herba. Adoita aplicarse a un prado pequeno. (Lan., Mon., Parade., XPP).

12832 **namelo** *s.m.* Prado natural. (Parade.).

12833 **naveira** *s.f.* Prado de herba seca (que se sega en xullo) en terra baixa e chá, con rega entre montañas. *Teño que segar o prado da naveira*, *Andan encollendo a herba da naveira*. (Parade.:112).

12834 **pacencia** *s.f.* Pasto. (Piquín).

12835 **pación 1** *s.m.* Pasto. "En Ancares los *praus* (que son todos de riego), suelen dar una pación o *herba* en la primavera. Después de la *sega* y la *malla no vráun* dan una segunda hierba: *l'outono*, *outonada* (aproximadamente en setiembre), que es la *otoñada* en Oseja de Sajambre y en Villacidayo" (Ancares2:132-133). "Las vacas *pastan ou pacen a pación* (*pastear* y *pastiar la pación* o *pelo* en Lena). También en ancarés existe *pelo*, pero es menos usado que *pación*" (Ancares2:133). (Ancares2, Piquín).

12836 **panasca** *s.f.* Prado natural que se vai cortando ou pacendo en fresco. (Fra.).

12837 **panasco 1** *s.m.* Prado natural, lugar do monte no que medra a herba espontaneamente. (Cab., Com1, Goián, Tebra).

12838 **panasqueira** *s.f.* Prado grande, prado natural á beira dos ríos. (LG, Tebra).

12839 **pasta** *s.f.* Prado no monte pouco frutífero. (Mez.).
12840 **pastadeiro** *s.m.* Terreo onde pasta o gando. (ERG).
12841 **pastadoiro** *s.m.* Ver PASTADEIRO /12840. (ERG, XER).
12842 **pastaxe 2** *s.m.* Conxunto de prados nos que pasta o gando. (ERG).
12843 **pasteira** *s.f.* Prado. (Per.).
12844 **pasteiro** *s.m.* Prado. O noso informante en Ancares2 descríbeos como de mellor calidade cós outros tipos de prado: "También hay *pasteiros* y *pasteirúus*, que son los mejores prados, pues dan hierba dos veces al año y se dedican a pación, después de segados; suelen estar en las riberas de los ríos, como las *seras* y *serones* de Lena" (Ancares2:132). (Ancares2, Cab., Cal., Cre., Fri., Gud., Gui., Gun., Incio, Lan., LG, Mra., Ped1, Per., Piquín, Vala., Vil., XER).
12845 **pastizal** *s.m.* Prado. (Dum., Laxe, Vala.).
12846 **pasto 1** *s.m.* Terreo botado a prado. É común que *pasto* designe tanto o terreo como a herba que nel medra (Ver PASTO 2 /12973). (Com1, Cur., ERG, Goián, JMP, Laxe, Razo, Sob., XER).
12847 **pastoeiro** *s.m.* Prado natural que non se sega senón que se pace. (Xun., Xun2).
12848 **pastoriza** *s.f.* Pastizal, terreo de pasto abundante. Eladio Rodríguez dálle xénero masculino, o que nos parece unha errata evidente. (ERG, LG, Oirós).
12849 **pastueiro** *s.m.* Prado. (Ped1, Ped2).
12850 **pasturaxe** *s.m.* Lugar de pasto aberto ou común. (ERG).
12851 **pastureiro** *s.m.* Calquera anaco de terreo, pechado ou non, comunal ou particular, ó que se pode levar a pasta-la facenda. (XLF).
12852 **pelo 3** *s.m.* Ver PACIÓN 1 /12835. (Ancares2).
12853 **petello** *s.m.* Prado pequeno e pechado. (Gun.).
12854 **poubeo** *s.m.* Prado bo. *Aquelo é un poubeo pró gado*. Para Rivas Quintas tamén ten un sentido figurado, con valor de "Expansión, distracción, recreo. *Aquelo é un poubeo prá xente*". (Xun2).
12855 **pouleiro** *s.m.* Ver POULÓN /12857. (Xun.).
12856 **poulo** *s.m.* Ver POULÓN /12857. (Porto).
12857 **poulón** *s.m.* Prado que seca pronto e dá pouca herba. (Mra.).
12858 **prada** *s.f.* Pasteiro de pouca calidade. (Friei.).
12859 **pradeira** *s.f.* Prado pequeno. (Laxe, Sob.).
12860 **pradela** *s.f.* Prado pequeno. (TCha, TCha2).
12861 **pradelo** *s.m.* Prado pequeno, regadío. (TCha, TCha2).
12862 **pradella** *s.f.* Prado de regadío. (LG).
12863 **pradería** *s.f.* Gran extensión de terreo destinado a prado para herba verde no inverno e seca no verán. (Feás-A, Sob.).
12864 **pradicelo** *s.m.* Prado pequeno. (ERG).
12865 **prado** *s.m.* Terreo onde se deixa medra-la herba para pasto do gando ou para forraxe. ERG recolle o diminutivo *pradiño* con valor apreciativo. (Común).
12866 **rañadoiro** *s.m.* Prado de secano no monte, de mala calidade. *O monte é o que leva o peso do pastoreo polo ano adiante, pola meirande parte, e vese ben a continua presencia da res e da facenda no rañadoiro* (Friei.:196). (Barcia, Friei.).
12867 **regado** *s.m.* Prado. (ERG).
12868 **ribeira** *s.f.* Prado natural. (Lourei.).
12869 **sebeiro** *s.m.* Prado cercados con sebes. A. Otero define como sebe pero tamén recolle *desebeirar* co significado de "pastar el ganado en los *sebeiros*". (Piquín).
12870 **segueiro** *s.m.* Leira que se deixa a barbeito sen sementar, de xeito que produza herba para o palleiro. É o lugar ó que se levan a pace-las vacas o día da festa. (Ctel13).
12871 **sesteiro** *s.m.* Lugar no monte onde sestan ás vacas ceibas ó mediodía mirando ó lugar de onde vén o vento. Véxase *O Sesteiro* no capítulo da toponimia (15.2.6.). (Ctel3).
12872 **vaqueriza** *s.f.* Monte baixo con pasto para o gando. (Sabu.).
12873 **veraneiro** *s.m.* Prado ó que se leva o gando a pacer no verán. (LG).
12874 ***pradera** *s.f.* Ver PRADEIRA /12859. (Ced.).
12875 **barxa longa** *s.comp.f.* Terreo particular á beira dos ríos que se utiliza como pasto común, aínda que as árbores e froitos son privados. (ERG).
12876 **braña de cabeceira** *s.comp.f.* Braña destinada fundamentalmente ó gando vacún, situada máis lonxe cás destinadas ó gando miúdo. (Ancares).
12877 **campo de fouciña** *s.comp.m.* Campos que só se aproveitan para segar herba verde para o gando. (XLF).
12878 **comunidá de pastos** *s.comp.f.* Ver COMUNIDADE DE PASTOS /12879. (AGR, ERG).
12879 **comunidade de pastos** *s.comp.f.* Sistema tradicional de aproveitamento comunal de pastos para o gando en montes ou campos privados. "Conócese también el condominio en el pastoreo en los montes comunales cuando están abiertos. Allí concurren los ganados de todo el vecindario, y se estila en algunas tierras, como en Negreira y en Ortigueira, que cada día acuda á cuidar de las reses de todos los copartícipes uno de ellos, menester que generalmente realizan jóvenes de ambos sexos por turno ó vez. La comunidad de pastos manifiéstase en el término municipal del Barco de Valdeorras,

en una dehesa boyal, sita á un kilómetro de la villa, de unas doce hectáreas de extensión superficial. Es de propiedad común de los vecinos del Barco, Castro y otros lugares inmediatos y fué donada al vecindario por legado de Marta Guisela. Cubierta de corta y finísima yerba, siempre verde, sirve para pastoreo de los ganados de los pueblos citados. También en ella tenían derecho los forasteros de Astorga, cuando antes hacía la maragatería comercio ambulante por la región gallega; entonces los maragatos podían apacentar en la dehesa sus caballerías durante un plazo limitado de tiempo. Quizá éste no pudiese pasar de dos días, en armonía á lo que disponían las leyes 26 y 27 del Fuero Juzgo, que limitaban el derecho de apacentar los ganados en los caminos y terrenos no cercados á aquel término, á no ser que el dueño consintiese una permanencia más larga. En los Picos de los Ancares (Cervantes) [...] hay extensas praderas cubiertas de nieve durante el invierno, bajo cuya capa vegetan yerbas jugosas que, al iniciarse el deshielo, constituyen magníficos pastos. Unas pertenecen al dominio privado y otras son del dominio de los pueblos; pero tanto en aquéllas como en éstas se practica desde Junio hasta Septiembre el pastoreo [...]. Si las praderas son de dominio privado, el derecho de pastoreo se adquiere mediante el pago de una cantidad estipulada al dueño, y cada poseedor de un rebaño tiene á su cuidado un pastor por la retribución convenida. Si son comunales, entonces el cuidado y guarda de los ganados se hace por turno entre los vecinos, pues el pasto es libre, así como el aprovechamiento de la yerba que siegan y recogen para sus casas. Los pastores viven en cabañas rústicas, se alimentan con pan de centeno y alguna carne de cerdo. Cada seis ú ocho días bajan al pueblo á relevarse; responden de los daños causados voluntariamente, pero no de los fortuitos" (AGR:38-39). (AGR, ERG).

12880 **devesa boieira** *s.comp.f.* Devesa adicada a pasto dos bois de labor, privilexio que disque establecera o rei Afonso o Sabio. (ERG).

12881 **monte comunal** *s.comp.m.* Monte aberto ó pastoreo. (ERG).

12882 **monte de pasto** *s.comp.m.* Monte adicado a pasto do gando. (ERG).

12883 **prado artificial** *s.comp.m.* Terreo onde se sementa a herba para alimento do gando. (Parade.).

12884 **prado da herba verde** *s.comp.m.* Prado que se sega coa gadaña e se recolle en feixes para dar en verde ó gando nos meses de outono. (Parade.).

12885 **prado de ferro** *s.comp.m.* Tixola. Úsase nas adiviñas. (PM:919).

12886 **prado de gala** *s.comp.m.* Prado regado coa auga que baixa das rúas e que, por levar esta algo de esterco, producen mellor herba. Xaquín Lorenzo recólleo pola parte de Viana do Bolo. (Viana2, XLF).

12887 **prado natural** *s.comp.m.* Terreo onde se deixa medra-la herba para pasto do gando. (Parade.).

12888 **prau de parceiría** *s.comp.m. Ú. m. en pl.* Prado dividido en varias parcelas, separadas por marcos e pertencentes a diferentes donos. (Ancares2).

12889 **espediñado** *adx.* [Campo] reseco, onde o gando non pode comer. (Hermi.).

12890 **outonado** *adx.* [Lameiro] que ten moita herba, moito *outono*. (Gud5).

12891 **pacedeiro 3** *adx.* [Lugar] que ten herba abundante para pasto. (ERG).

12892 **apradar** *v.* Poñer [un terreo] a prado. (Mez1).

12892b **estoxar**. *v.* Racionar, tasar, medir. *Fun estoxando a herba pró inverno.* (Xun2).

12893 **botar a panasco** *loc. v.* Botar [un campo] a prado. (Tebra).

12894 **estar prá fouciña** *loc. v.* Estar [un prado] en todo o seu verdor, listo para ser segado. (VLLM).

12895 **garda-los prados da herba seca** *loc. v.* Deixa-los prados sen leva-lo gando a pacer desde primeiros de abril, para poder sega-la herba en xullo. (Parade.).

12896 **garda-los prados da herba verde** *loc. v.* Deixa-los prados sen leva-lo gando a pacer dende primeiros de abril para sega-la herba en sanxoán. *'Gardar os prados da herba verde' ou 'outonizo' e 'da herba seca' ou 'feno' consiste en deixar de levar o gando a pascer a ditos prados xa desde o 1º de abril, con fin de que a herba medre e se poda segar a 'verde' en san Xoan e a 'seca' en Sant-Iago*. (Parade.:113).

12897 **ser boa vianda** *loc. v.* Ser [un pasto] moi vizoso. (LG).

12898 **a campo** *loc. adv.* Terreo que se deixa descansar e sen cultivo e ó que se leva o gando a pacer. *Deixámo-las terras a campo*. (Gro1).

Ver tamén, no apartado 2.2.1.1. *Raza marela*, paralelos e comentarios a *Nin bo Pedro, nin bo burro negro, nin bo lameiro por riba do rego.*

A chuvia de orballeira é herbeira. (Grou) [1486]
A terra que non se cobre de herba non é boa nin prá vaca nin prá ovella. (ERG:terra) [1487]
Antes de mediados de maio manda os bois ao prado, despois de mediados máis que a auga corra tralo carro. (EGE:19)
En maio inda o boi bebe no prado, mais si ben non o empeza, inda ben non o acaba. (VS4) [1488]
En maio quince días os bois ó prado, antes no principio ca no cabo. (Carb-L:195; VS) [1489]
No maio quince días os bois ó prado, antes no principio ca no cabo. (VS)
O abril que ha de ser abril, han de folgar os bois quince días nil. (FBB8)
Que bo maio, que mal maio, han de estar os bois quince días na corte sin saíren pró prado; e val máis no principio que no cabo. (VS) [1490]
Que bo maio, que mal maio, quince días os bois ó prado, antes no principio ca no cabo. (Vilam.) [1491]
Que bo maio, que mal maio, quince días os bois ó prado, e máis val no principio que no cabo. (ANV2:17; XFV:38; ZM:207, ZM 269) [1492]
Que bo maio, que mal maio, quince días os bois ó prado e máis vale no principio ca no fin. (NevesC)
Que bon maio, que mal maio, quince días os bois ó prado. (VS)
Que bon maio, que mal maio, quince días os bois no prado, e máis val no principio que no cabo. (VS) [1493]
Boi co acabramo non deixa o prado. (VLLM:1,133)
Boi dapexado, non se sal do prado. (VLLM:1,133) [1494]
O boi dapexado non chouta/salva o valado nin sae do prado nin dá paso ben dado. (VLLM:1,146) [1495]
O boi dapexado non se sal do prado. (VLLM:1,146) [1496]
O boi pexado non sal do prado. (VLLM:1,133)
Boi de moito lameiro, tremón e choqueiro. (VLLM:1,134) [1497]
Boi de moito prado nunca anda sano. (VLLM:1,134) [1498]
Boi de prado, nunca está sano. (ERG:boi)
Boi de prado non quer molime segado. (VLLM:1,134)
Boi do prado rexeita o molime seitado. (VLLM:1,134) [1499]
Boi vezado ao prado non quer batume segado. (VLLM:1,134) [1500]
Boi vello faise novo no lameiro. (VLLM:1,136) [1501]
Boi vello folga/refolga no lameiro. (VLLM:1,136) [1502]
Boi vezado, carreira ó prado. (Carb-L:219; VS)
Boi vezado tira para o prado. (VLLM:1,133)
Boi vezado, volve ó prado. (MVN:583; MVN2:70; UCA2:26; ERG:boi; XLF2:23; VLLM:1,133; ZM:47; EAG:11; XTC4; VS) [1503]

1486 No texto: *d'orballeira*.
1487 ERG: *pra*.
1488 VS4 di que o recolle entre A Estrada e a Ponte Ulla. No texto: *non-o*.
1489 CarbL escribe *que no cabo.*
1490 VS recolle este refrán con estas variantes: *bon maio*, *boo maio*, *boo mayo*; *han estar*; *sen saíren*.
1491 Sexa bo ou malo o mes de maio, é conveniente bota-los bois ó prado.
1492 No texto: *bon mayo, dial-os bois, mais val* (ANV); *bon, mais, non cabo* [sic] (XFV); *bon, ao prado* (p. 207) / *no prado* (p. 269), *no comenzo* (ZM).
1493 No texto: *mayo*.
1494 Llópiz explica que *dapexado* é pexado, e que a pexa ou acabramo non lle deixa facer movementos rápidos nin continuados. Recólleo de A. Abelaira e de E. Gayoso.
1495 Llópiz: *sale*, *da*, *balado*.
1496 Llópiz: *sal* por *sae*; recólleo de A. Abelaira e de J. F. Losada.
1497 Llópiz recólleo na est. pecuaria de Fingoio e explica que o exceso de humidade prodúcelle a *pieira* (caracterizada por ter un andar tremento e torpón). Llópiz tamén engade (se ben isto xa sexa moi discutible) que a exclusiva mantenza de pasto prodúcelle as *sapas* nas enxivas que lle alteran a boa dixestión.
1498 Llópiz recólleo na est. pecuaria de Fingoio.
1499 Llópiz recólleo de E. Beceiro en Cariño; explica que *molime* é *broza fresca de monte segada con fouciña*. Notable o arcaísmo *seitado*.
1500 Llópiz: *bezado*; explica que *batume* é a herba cortada para lla dar en verde ó gando. Recólleo na Misión Biolóxica de Gudín (Pontareas).
1501 Llópiz: *Alude a la piel lustrosa que vuelve a adquirir, cuando deja de trabajar y huelga sobre la rica hierba*.
1502 Llópiz define *folga* como *retoza*, é dicir, brinca, rebulda.
1503 No texto: *vòlve ò prado* (MVN); *bói* (MVN2); *ao prado* (UCA2, ZM); *ò prado* (EAG); *volve ó prado*, nun caso, e *volv'o prado*, noutro (XTC4). Llópiz recólleo tamén de M. Valladares coa forma *bezado*, aínda que éste escribe *vezado* (MVN2).

Cal é o herbado, tal é o gado. (VLLM:2,95) [1504]
Cal é o pasto, tal é o fato. (VLLM:2,95)
Cando chove en febreiro non hai bo prado nin bo centeo. (AdC:8) [1505]
Cando non chove en febreiro, nin bo prado nin bo centeio. (FBB8)
Cando non chove en febreiro, non hai bon prado nin bon centeo. (PdM:8; ZM:54) [1506]
Cando marchan las vaques, solas se quedan las brañes. (VLLM:1,138) [1507]
Coida o prado e terás gado. (VLLM:2,85; PdM:9; UCA2:29; VS) [1508]
Con boa herba non hai mala vaca nin na casa do rico cociñeira flaca. (VS)
Deita o teu gando na herba do teu prado. (ERG:gando; PdM:10; UCA2:32; VS; ZM:78;) [1509]
Déitase o boi no prado porque non se pode sentar. (VS)
Dempois de morto o meu boi, non naza a herba no prado. (VLLM:1,139) [1510]
Dendes maio a novembro o pasarei na braña, e non con ovellas senón con vacas. (VLLM:1,140) [1511]
Do lameiro malo, alza-los bois. (VLLM:1,140)
Do lameiro malo ergue o teu gado. (VLLM:2,87) [1512]
Do mal lameiro ¡isca o gado, pegureiro! (VLLM:2,87) [1513]
Do prado cativo, erguede os bois. (VLLM:1,140) [1514]
Ó mal prado non leves o gado. (VLLM:2,87)
En canto o prado enverdece, o boi padece. (VS)
Mentras o prado enverdece, o boi perece. (MVN2:103; UCA2:45; VLLM:1,144; ZM:136; VS) [1515]
En febreiro, nin bo prado nin bo lameiro. (NevesC)
En maio inda bebe o boi no prado. (AdC:13; ANV2:17; EAG:43; ERG:maio; GEG:maio; JASA:342; JASA3:221; PdM:11, PdM:30; UCA:36.15; UCA2:35; VLLM:1,141; VS; XFV:38; XTC4; ZM:96; ZM:267) [1516]
En maio inda o boi bebe no prado. (NevesC; UCA:36.15) [1517]
En maio, que beba o boi no prado, e si non mal lle vai ó ano. (Gro1) [1518]
En maio, que corra a auga detrás do arado. (ZM:97)
No maio bebe o boi no prado, e se non bebe, malo. (Camb1:54; Castre.)
Polo maio beben os bois no agro. (FBB8)
Gando branco, nin no pasto nin no banco. (ERG:gando; UCA:36.18; UCA2:37; MVN:276; MVN2:86; EAG:17; VLLM:2,88; ZM:113; XTC4) [1519]
Máis arroído fai unha ran no raeiro do que cen bois nun lameiro. (VLLM:2,1023) [1520]

[1504] Llópiz recólleo de C. Agrasar (*Agrarismos*, Herbón).
[1505] No texto: *bon prado, bó centeio*.
[1506] No texto: *Frebreiro* (sic) (PdM).
[1507] Llópiz recólleo da Fala dos Vaqueiros de Alzada (Taramundi 1944); pl. bable de *braña* e de *vaca*.
[1508] Llópiz recólleo de Carré Aldao.
[1509] No texto: *gado* (PdM, UCA2, VS).
[1510] Llópiz: *mórto*; recólleo de M. Castro Sobrado, en Sarria (1917).
[1511] Llópiz di que é da fala dos Vaqueiros de Alzada.
[1512] Recólleo de M.P. Sixto *Folklore de Jove*.
[1513] Llópiz recólleo de L. Carrodeguas.
[1514] Llópiz: *prato* (sic); recólleo de M. Pita Sixto en Xove.
[1515] No texto: *Mentral-o, enverdez* (VLLM); *Mentrá-l-o, parece* (MVN2); *Mentral-o, parece* (UCA2) *parece* (ZM); *Mentra-l-o* (VS). En Llópiz, a forma *parez* aparece reescrita e non se ve claro se é *parez* ou *perez*; recólleo de Carré Aldao (A Coruña 1908) e explica que alude á impaciencia do gando que está na corte e que venta a existencia da herba nova que trae a primavera.
[1516] No texto: *mayo* (ANV2, JASA, UCA, UCA2 e PdM); *n-o* (JASA); *mayo, n'o prado* (EAG); *ainda* (AdC, VS); *Mayo, n-o prado* (JASA2).
[1517] UCA: *mayo*.
[1518] *Léxico de O Grove,* s.v. *maio*. No texto: *bai*.
[1519] No texto: *n'o pasto, n'o banco* (EAG); *blanco, n'o pasto, n'o banco* (MVN2); *blanco* (XTC4). Taboada recólleo do *Diccionario* de Valladares. Llópiz explica que o *banco* é a mesa de mata-las reses; recólleo de E. Carré Aldao (*A Nosa Terra*). Álvarez Giménez, explicando outro refrán, recolle a crenza de que *los animales de piel oscura son de más fuerza que los otros*, aínda que non di por que. Ignoramos por que razón o *gando branco* se considera de inferior calidade e por iso o mellor é velo no prato e, segundo outro refrán semellante, que veremos falando da carne, nin no prato é bo. ¿Terá que ver algo con isto o feito de que, como di outro refrán *Non come o lobo besta branca* (UCA2, EAG:21)? É curioso todo isto, porque na antigüidade romana era o gando reservado precisamente para ofrecelo a Xúpiter na cerimonia solemne da celebración dun triunfo (*suovetaurilium*). Menos entenderiamos aínda se tal gando *branco* tivese algo que ver co *gando nidio* que pon ó seu amo relouquido e que Llópiz explica como *groso, graxento* apoiándose no paralelo *Gando gordo pon ao seu amo tolo*.
[1520] Llópiz: *arroido, n-un*; recólleo de L. Pintos (*Refranes relativos a animales caseros*).

Máis valen pastos queimados que montes herbados. (VS) [1521]
Val máis prado rañado que monte herbado. (VS)
Malo o maio que non bebe o boi no prado. (VS)
Néboas rubias ó nacente, leva os bois ó lameiro e vente. (XTC4) [1522]
No mes de maio, cérranse as paneiras da xente i-ábrense as das vacas. (Viana5) [1523]
No xaneiro fóra a vaca do lameiro. (Morei:370; ZM:150; NevesC) [1524]
Non é bo pegureiro o que non renova o lameiro. (VLLM:2,93) [1525]
Por mal pegureiro se teña o que non troca de herbeira. (VLLM:2,93) [1526]
O boi afarto, déitase no prado. (VLLM:1,145) [1527]
O boi farto déitase no prado e fai cama do rabo. (VLLM:1,145) [1528]
O boi empallado bebe no prado. (Camb1:47; Castre.; VG140588)
O boi que non pasta no prado, ¿onde irá pastar? (VS) [1529]
O toupo, para toupear, ó prado sin regar. (VS4: Sober) [1530]
Pra o boi vello, verde lameiro. (VLLM:1,151) [1531]
Prados, na cima; e leiras, no fondo. (VS4)
Se queres ter bo prado, mal pacido e ben gadañado. (Carb-L:215) [1532]
Si queres ter boa herba, coida o prado como a leira. (ZM:229)
Soalleira e bon chan locen o gado que non prado sonado. (VLLM:2,95) [1533]
Sol e boa terra fan ao bon gado que non o herbal sonado. (VLLM:2,95) [1534]
Sol e boa herba fan o bon gado que non pegureiro sonado. (VLLM:2,95) [1535]
Tantos días de sol en xaneiro, tantos en san Xoán ó comareiro. (SPP:218) [1536]
Terra por terra, a de toxo a primeira, segunda a brañeira, despois a espiñeira. (VLLM:2,228) [1537]
Vaquiña que prado marceia, vaquiña leiteira. (VLLM:1,156) [1538]
Vranciño de maio e san Xoán mexado, herbeira nos eidos e axóuxeres no prado. (MV89)

Ai María, ó teu portelo
atravésalle un ramallo
que o meu becerro é ladrón
e pódeche entrar no prado. [1539]

[1521] VS: *hervados*.

[1522] No texto: *névoas, o lameiro*.

[1523] *Peneira* neste caso debe de ser, como di ERQ referido a Vilar de Santos, aquela parte da casa na que se gardan as patacas e mailo verde do gando (e no que adoitaba estar tamén o tear). O refrán supoñemos que quere dicir que en maio o alimento da xente está esgotado e, en cambio, o do gando está en plenitude de produción.

[1524] Morei, ZM: *fora*.

[1525] Recólleo de Pardo de Lema (*Dichos pop. Balume*).

[1526] Recólleo de A. Carracedo en Monterde (Lugo) [sic].

[1527] Llópiz recólleo de Mosquera Leal (*Refranes*, Ferrol 1926).

[1528] Llópiz recólleo de Martín Calado (*Funqueirazos*).

[1529] VS: *irá a pastar*.

[1530] VS4 explica que *toupear* é facer toupeiras (galerías subterráneas que abre o mamífero aludido para vivir nelas). Engade esta variante: *Todo prado regar, o toupo escapar* (VS4:Sober).

[1531] Llópiz: *Pra-o*; recólleo de Francisco Lanza (Ribadeo 1950).

[1532] Carb-L:215: *bon*.

[1533] Llópiz: *gâdo*; recólleo de J.G.C. en Malvas, onda Tui.

[1534] Llópiz: *bon gâdo*; recólleo en Monforte, de O. Casanova.

[1535] Llópiz: *gàdo*; di que xa está en Bluteau.

[1536] No texto: *Xaneiro, o comareiro*. Explica Portela Pazos que *es costumbre que los trabajadores, cuando llueve, se retiren al 'comareiro', donde se sientan al abrigo de un paraguas, capa de juncos, etc.*

[1537] Llópiz explica que *terra toxeda* é aquela na que medra a carrouca ou carraza, caramiña (nótese que, para nós, a *caramiña* non ten nada que ver coa *carraza* ou *carrasca*) e que é a de mellor calidade; que *terra brañeira* ou *brañega* é a que asenta a uces, carpazas, piornos, xestas, codesos, rañeiras e rañalobos; e finalmente *terra espiñeira* é onde se crían as rosáceas como silveiras, cambruñeiras, silvamacho e gabanceira. Supoñemos que ninguén terá problema en recoñece-las silveiras ou, máis comunmente, silvas (*Rubus fruticosus*), pero cremos que cómpre unha explicación das outras plantas que menciona Llópiz: a *cambruñeira* é o abruñeiro ou ameixeira brava (*Prunus spinosa*); silva macho e gabanceira son nomes que se aplican tanto á xilbarbeira (*Ruscus aculeatus*) -por outro nome, *silva garbanceira*- como á roseira brava (*Rosa canina*) -tamén chamada rosa macho, silva macha e silvo macho. Como vemos, todas son plantas caracterizadas polas súas espiñas, ó que deberá o nome de *terra espiñeira* aquela na que medran.

[1538] *Marcear prado* é pacer nun prado en marzo; parece aludir a que a herba fresca faina revivecer e anticípalle o celo: ver var. *Vaquiña que apasta*... en 9.11.2; Llópiz recólleo en Maside (Lugo) de Puga Torres.

[1539] Lama2:87.

Cando botáre-lo gado
atráncalle un rangalleiro
que o almallo é danío
e pódese ir ao lameiro. [1540]

Cando era pequeniña
e iba pro monte co gado,
comía a miña merenda
antes de chegar o prado. [1541]

Cando era pequeniño
'e iba con el ganado',
comía a merendiña
antes de chegar ó prado. [1542]

Cando era pequeniño
que xa andaba co gando,
comíame a merendiña
antes de chegar ó prado. [1543]

Carmela, se vas ó prado
pecha ben a portilleira
que hai un touriño bravo
que quer entrar na pradeira [1544].

Carmiña, se vas ó prado
pecha ben a portilleira
que hai un touriño valente
que quere entrar na pradeira. [1545]

Eu pedín leite á vaca,
a vaca pideume a herba;
herbiña lle pido ó prado
e o prado pídeme rega. [1546]

Garda o pradiño que levas
e gárdao ben, noite e día,
que, si unha volta che furtan,
hanche pace-la outonía. [1547]

Ha de chover, que arrufía
que venta do vendaval;
déixame meter o gando
meniña, no teu herbal. [1548]

Neniña ó teu portelo
atravesalle un ramallo
o meu becerro é veceiro
pódeche brincar no prado. [1549]

Neniña si vas ó prado,
cerra ben a 'cortijera',
que eu teño un toro bravo,
que quere entrar na túa pradera. [1550]

No prado da herba verde
fincan o fuciño as vacas
tamén eu se me deixaran
o fincaba nas rapazas. [1551]

O prado de Guimeráns
de cote herbiña está dando;
por eso alí o caseiro
ten moito e lucido gando. [1552]

Rapaza io teu portelo
atrancaraslle cun ramallo
o meu becerro é veceiro
váiseche botar ao prado.
Se o teu becerro é veceiro
halo de ir arrecadando
o meu prado non ten herba
para mante-lo teu ghando. [1553]

Rapaza se vas a iherba
cerra ben a carrilleira
que hai un toro moi bravo
quere entrar na túa pradeira. [1554]

[1540] LimiaB:55. No texto: *botarelo gado.*
[1541] Niño.
[1542] Coto2:38. SCHU1/2/287 recolle unha copla case igual pero en castelán: *Cuando yo era pastora/ y andaba con el ganado/ comía la merendita/ antes de llegar al prado*.
[1543] DBP:3291. No texto: *x'andaba*.
[1544] TCha:62.
[1545] RC:114.
[1546] DBP:605. No texto: *pideum'a*.
[1547] MLP3:157. Explica que *levar un prado* significa telo arrendado, e *pace-la outonía* equivale a quitarlle a alguén a moza, porlle os cornos. No texto: *pacel-a*.
[1548] XLF3:53. Localízaa en Muros.
[1549] SCHU1/2/298. *Veceiro*: de mal costume, dise do gando que ten o vezo de deixa-lo camiño e coller ó revés. No texto: *atravesall'un*.
[1550] Sob3.
[1551] FSLQ1: 5. No texto: *N-o prado d'a herba, n-as rapazas*.
[1552] DBP:489, MVN:651. No texto: *de cot'herbiña* (DBP); *de còt'herbiña, ali* (MVN).
[1553] SCHU5/2/193. No texto: *d'ir, tén.*
[1554] SCHU6/2/1035b. No texto: *quer'entrar*.

Seghei unha herba na presa
tamén a seghei no prado
larghei a túa conversa
tomei outra de contado. [1555]

Téñoche as vacas no monte
e non podo ir por elas,
o río atravesoume o prado
e móllame tódalas pernas. [1556]

Un día en que pola tarde
María da Canseliña
estaba seghando herba
no herbal da Fontenliña
cadrou que na mesma hora
Andrés da Recouta viña
de botarlle a aghua a ioutro herbeiro
que arrimado ó dela tiña
e desde ensima do prado
díxolle con cobardía
queres que vaia axudarche
a erghe-la herba María
... [1557]

Teño un prado cheo de vacas rubias
e vén unha moura e mátamas todas. [1558]

9.10.5.1. O cómaro

Ademais dos prados e lameiros, naturais ou artificiais, privados ou comunais, tamén se aproveita para o pastoreo do gando a herba dos cómaros ou comareiros, esas franxas de terra que se reservan sen sementar ó redor das terras de labor coa finalidade de ter espazo suficiente de manobra para da-la volta á xugada durante a arada das terras. Nestes comareiros a herba medra espontaneamente e pódese leva-lo gando a pacer.

Trátase dunha serventía que forma parte do dereito non escrito pero respectado por tódolos campesiños. Mesmo se dá o caso de que, se un labrego quere pecha-la súa terra, ten que deixar ese espazo a favor das terras lindantes, para que os donos destas poidan seguir traballándoas integramente, sen perde-lo terreo necesario para da-la volta ó seu gando.

Sarmiento (FMS4) descríbeo así:

> *Si dentro de una Caseria cerrada ay diferentes frutos, como sucede en Galicia; el arbitrio que alli se tiene, para aprovechar la Hierba que nace en los Lìmites, que dividen frutos, y que llaman Cómaros, y Comarèyros; es Segarla para el Ganado. Y quando por ser pequeña, no se puede segar; usan de un Donoso artificio. Atan a los Cuernos de un [sic] Baca, ô Buey, mansisimos, una Soga. Llevan la Baca al Comareyro para que le vaya pastando; pero un Niño, o Niña, tiene la punta dela Soga, y va caminando hacia atras. Esto, para retraer à la Baca que no eche la Lengua a los Frutos, con terminos, de Maiz V.g. y Mijo menudo.*

12899 **acaroo** *s.m.* Ver CÓMBARO 1 /12911. (Carr-G2, Manza.).

12900 **andaboi** *s.m.* Pequena banda de terreo que se deixaba inculta como lindeiro e para permitir ó estremeiro o traballo co arado. Eladio Rodríguez escríbeo separado, *anda-boi*, e defíneo como: "Especie de servidumbre consuetudinaria que estuvo en vigor en Galicia hasta poco después del siglo XIX. Llamábase también PASA-BOI. Todo labrador o dueño de una heredad se creía obligado, al laborarla, a dejar en la linde contigua una faja de terreno de dos o tres cuartas de ancho, para no interrumpir el cultivo de la finca colindante al trabajarla con el arado. Esta porción se dejaba inculta y se demarcaba con hitos o mojones de piedra, sobresaliendo como una cuarta del nivel de la tierra, y a cada lado otros dos más pequeños y soterrados, llamados TESTIGOS del mojón". AGR:96: "Además de las servidumbres rústicas conocidas con los nombres de *pie de rey*, *gavia* y *anda boy*, tan comunes en la región...". Esta franxa sen cultivar recibe tamén, entre outros, os nomes de *acadullo*, *comareiro*, *cómaro*, *cómbaro*, *gavea*, *lindeiro* e *virta*. (AGR, Com1, ERG, LG, XER).

12901 **arredores** *s.m.pl.* Ver CÓMBARO 1 /12911. (XRMF4).

12902 **arró** *s.m.* Ver CÓMBARO 1 /12911. DRAG, ademais da finalidade que a nós nos interesa como lugar de pasto para o gando, di que "tiene también por objeto dar paso a los transeuntes para evitar que éstos pisen y estropeen los sembrados". (DRAG, XRMF4).

12903 **cadabullo 2** *s.m.* Ver CÓMBARO 1 /12911. (Nantes).

[1555] SCHU1/2/266.
[1556] VD:327. No texto: *todal-as*.
[1557] SCHU5/2/66a; copiámo-la primeira parte dun longo parrafeo. No texto: *'staba, botarll'a, qu'arrimado, érghe-la*.
[1558] O varredoiro do forno e mailas brasas. PM:261.140. No texto: *ven*.

12904 **cadullo** *s.m.* Ver CÓMBARO 1 /12911. (Muras).

12905 **caldulleiro** *s.m.* Ver CÓMBARO 1 /12911. (Barcia).

12906 **canto 2** *s.m.* Parte da finca onde voltea a parella de vacas. (Mez., Mez3).

12907 **cantón** *s.m.* Ver CANTO 2 /12906. (Ped1).

12908 **comareiro 1** *s.m.* Faixa de terra ó redor dun labradío, que se deixa sen traballar para que sirva de lindeiro e de pasto ó gando. Rivas Quintas define *comareiro*, primeiro, como "prado pequeño, cercano al lugar, cerrado y estimado, donde se dejan los animales pequeños", pero engade que "en Meiro la separación entre dos fincas, con tierra, piedras, matas y hierba se denomina *valo*, pero si este *valo* se aprovecha cogiendo la hierba, entonces y solo entonces, se llama *comareiro*" (*Frampas I*:56). (Bueu, ERG, XRMF4).

12909 **cómaro** *s.m.* Ver COMAREIRO 1 /12908. *As irmás pol-os cómaros e prados e ribeiras pacen a fresca herba facendo soar as chocas* (JM:40). (JM, MRP).

12910 **combareiro** *s.m.* Ver CÓMBARO 1 /12911. (Muras).

12911 **cómbaro 1** *s.m.* Franxa que queda sen arar arredor dunha terra de labor, que se aproveita para rousa-la xugada e pace-lo gando, evitando deste xeito ter que facelo na terra de veciño ou ter que perder terra arable. (Muras, TCha).

12912 **coudullo** *s.m.* Ver CÓMBARO 1 /12911. (Martín).

12913 **estrema** *s.f. Ú. m. en pl.* Ver CÓMBARO 1 /12911. (XRMF4).

12914 **pasaboi** *s.m.* Ver ANDABOI /12900. DRAG escribe *pasa-boi*, e ERG, *pasa boi*. (DRAG, ERG, LG, XER).

12915 **roleiro** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CÓMBARO 1 /12911. (MRP, XRMF4).

12916 **arado e boi** *loc. s.* Serventía de paso de arado e boi. Parece ser propia da Estrada. "La otra servidumbre, que sólo pude comprobar en el partido judicial de la Estrada, se conoce con el nombre de *arado y buey*, y consiste en que el dueño de una parcela enclavada en el agro, si la quiere cerrar tiene que dejar en favor del colindante un espacio de terreno para que pueda arar el suyo con libertad en los bueyes, sin que por el hecho del cierre se vea privado de cultivar ni la más pequeña porción de tierra. Adviértese que esta servidumbre carece de todo amparo dentro de la ley, es más que jurídica económica, fué creada en beneficio de la agricultura y es respetada y mantenida por todos" (AGR:97). (AGR, Estr1).

12917 **meio xugo** *loc. s.* Terreo sen traballar que se deixa arredor dunha leira para servidume ou paso do carro ou de pé. (Parade.).

12918 **pé de boi 1** *loc. s.* Ver ANDABOI /12900. Eladio Rodríguez recolle esta forma na entrada *gavea*: "Servidumbre rústica, común en Galicia, que es análoga al *andaboi* y *pè de boi*". Na entrada *pé* non contempla este significado. AGR (96) cítao realmente como *pie de rey* no seguinte contexto: "Además de las servidumbres rústicas conocidas con los nombres de *pie de rey*, *gavia* y *anda boy*, tan comunes en la región ...". Para entender esta denominación quizais debamos lembrar que tamén se lle chama *pé de altar* ós emolumentos que se lles dan ós curas e outros ministros eclesiásticos polas funcións que exercitan, ademais da congrua ou renda que teñen polas súas prebendas ou beneficios. Polo tanto é posible que esta serventía do *pe de rei* sexa resto dun antigo dereito real ligado a terreos non privatizables. (ERG).

9.10.6. A herba

As vacas aliméntanse fundamentalmente de herba que pacen directamente no campo ou que reciben na corte, como ración suplementaria, en seco ou en ensilado. Na actualidade na alimentación do gando xa se utilizan os pensos compostos para cubri-las súas necesidades, cada vez maiores, porque tamén se buscan producións cada vez maiores; aínda así, a forraxe segue sendo parte fundamental e imprescindible dunha dieta completa, mesmo cando o consumo directo, no pasto, queda reducido ás formas de gandería menos intensivas.

Nesta epígrafe incluiremos denominacións da herba propiamente dita (entendida como denominación común de moi diversas plantas gramíneas anuais) e tamén dos cereais cultivados ou aproveitados como forraxe para o gando (avea, centeo ou, fundamentalmente, millo etc.).

Aínda que en galego existe a palabra *xeira* para designa-la cantidade de traballo que se dá feito nun día, non demos encontrado nada equivalente para designa-la cantidade de herba que unha vaca come nun día. Non excluímos que exista porque en asturiano existe *vacá*, rexistrado en Lena con este valor

> *Sin embargo, las cantidades [de herba] que la vaca come en el prado, así como la que se recoge segada, se miden por carros ('un carro d'herba'). En Lena por vacás: 'una vacá' es lo que pasta o puede pastar una vaca* (Ancares2:133).

pero os significados do aparente paralelo *vacada* en galego teñen outro valor distinto.

As vacas espontaneamente comen as follas e puntas tenras das pólas de diversas árbores; e isto explica que algunha vez llas dean a comer. VGR recolleu no Bierzo a voz *ramajo* co sorprendente significado de herba que se lle dá ó gando en verde. Parece confusión pero non debe de selo porque el mesmo recolle tamén *ramaje* e *ramón* como denominacións desas pólas utilizadas como alimento do gando.

Existen certas herbas que teñen sona de galactóxenas e parece ser que o gando come nelas con especial preferencia. É o caso da carqueixa (*Chamaespartum tridentatum*), tamén chamada *carqueixa lavacuncas*, ou da galega (*Galega officinalis*) (EB1); tamén Baltasar Merino explicaba a etimoloxía do xénero *Polygala* en que aumenta a produción de leite do gando (do grego 'moito leite'). Non podemos confirmar se é certo este efecto nin esa especial apetencia, pero o certo é que en Caritel levaban as vacas a Cortegada (en Verducido, A Lama) a comer desa carqueixa e a beber auga que corre entre carqueixas (*auga de carqueixa*) como probado remedio contra a inapetencia do gando vacún e cabalar. É posible que, de conseguilo, se explique aquel aumento na produción de leite.

É curiosa a orixe da denominación *herba de Vigo*, moi estendida na provincia de Pontevedra e que veremos na entrada 13001.

Pódense le-los catro versos de Armada Teixeira en 16.1. que empezan *collendo alcacer pró gado.*

12919 **alcacén** *s.m.* Forraxe verde de centeo ou cebada. Bouza Brey di que o *alcacer* castelán é "cebada verde y en hierba" mentres que o *alcacén* galego *pode ser de cebada, de centeo ou de avea e a nota característica é que sexa seiturado en verde pra ferrán do gando* ("Nótula sobor do alcacén", en *Nós* 122, 1934, 34-35). (ERG, PAre1).

12920 **arcacel** *s.m.* Ver ALCACÉN /12919. (Piquín).

12921 **ballico** *s.m. Lolium perenne*, herba gramínea abondosa nos prados, tamén coñecida como xoio e que se utiliza para forraxe. (ERG, Vala.).

12922 **balloca** *s.f.* Ver AVEA LOUCA /12996. (ERG).

12923 **batume 2** *s.m.* Forraxe verde que se lle dá ó gando. Adoita recollerse nas beiras das herdades. *Boi vezado ao prado non quer batume segado* (VLLM). (ERG, VLLM).

12924 **bruncano** *s.m.* Herba alta que serve de alimento ás vacas. O noso informante non dá máis información que nos permita identificala. (Ped1).

12925 **carrouza** *s.f.* Especie de xesta achaparrada e comestible para o gando. (Alva.).

12926 **cential** *s.m.* Centeo serodio que se sementa para alimento do gando e que rebrandece a terra para o seguinte ciclo. (Ver1).

12927 **colledura 2** *s.f.* Herba verde, forraxe. (Burón, Suarna).

12928 **crina** *s.f.* Brote de herba. *Non hai xiquera unha criniña d'herba que lle dar ó jado*. (Xun2).

12929 **crocha 1** *s.f.* Millo forraxeiro. (Com1).

12930 **empallada 1** *s.f.* Brazada de herba ou palla mollada que se lle dá ó gando. (Com1, Goián, Gui., Nove., Sob., Toba).

12931 **empallada 2** *s.f.* Mestura de herba verde e herba seca que se lle dá ó gando. Segundo MLP, tamén leva farelo. (Ces., Fra2, MLP, Pade., PAre1, Pont., Viso1, Viso2, Vxoán).

12932 **escorzoneira** *s.f.* Herba á que algúns atribúen a propiedade de lle aumenta-lo leite ás vacas e ovellas. A escorzoneira (*Scorzonera* spp) é unha herba vivaz, da familia das compostas, de follas estreitas e flores amarelas. Eladio Rodríguez di que é medicinal (contra o sarampelo, a catarreira e a reuma) e que "las raices las come con gusto el ganado, atribuyéndoles algunos la propiedad de aumentar la leche a las vacas y ovejas". (ERG).

12933 **fananco** *s.m.* Herba dura que medra nas beiras dos camiños, no monte e lugares parecidos e que serve de pasto ó gando. (Gud., Rubiá, Saa, Vil., Xun2).

12934 **farraña** *s.f.* Ver FERRAÑA /12941. (Vil.).

12935 **feno 2** *s.m.* Herba fina que nace despois dunha chuvieira nun terreo cavado de pouco. (Xun2).

12936 **ferra 2** *s.f.* Ver FERRAÑA /12941. (Sob.).

12937 **ferraia** *s.f.* Herba en xeral. Tamén planta do centeo segada en verde para forraxe do gando. *Despois do millo sementase a ferraia nas nabeiras ou os nabos ou o mais acostumado a mistura dos dous froitos. Unha boa nabeira da algús cortes de ferraia; parte d'ela enxoitase pra gardala e algunhas vegadas cando se presenta moi ben deixase pra centeo* (ROP1:51). *Nas primeiras horas do día dáselle unha comida que consiste en herba, ferraia, palla ou rama de guisantes, variando asegún o tempo e predomiñando no inverno 'o seco' e no vran 'o verde'* (Velle1:135). (Cal., ERG, Mon., Moura, Mra., Parade., ROP1, Velle1, Xun.).

12938 **ferralla** *s.f.* Ver FERRAÑA /12941. (Oirós, Pantón).

12939 **ferrán 1** *s.f.* Ver FERRÁN 2 /12940. Nótese o xénero feminino. Pintos escribe *ferran*. (ERG, JMP).

12940 **ferrán 2** *s.m.* Mestura de *herba molar* (ver 13003) con forraxe de centeo que se lle dá en verde ó gando. ERQ2 define *herba molar* como "clase de hierba de poca altura en los montes". (Cod., Com1, Fra2, Ram.).

12941 **ferraña** *s.f.* Alcacén, forraxe de cereais (cebada, trigo, centeo, avea) que se seitura ó pouco de estar nada. *Nobres almallos meus* [...] *Hanvos dar da ferraña que fresquiña colleron para vos* (JIR:8). (Burón, Com1, Cre., ERG, Fri., Gui., Gun., Incio, JIR, Lan., Parade., Ped1, Suarna, TCha).

12942 **ferrañeira** *s.f.* Golpe de ferraña ou forraxe de centeo, cebada etc. (Xun2).

12943 **ferrañón** *s.m.* Ver FERRAÑA /12941. (Per.).

12944 **ferraxa** *s.f.* Ver FORRAXE 1 /12949. (Ancares2).

12945 **ferraxe 1** *s.f.* Ver FORRAXE 1 /12949. (Cre., Per., Porto).

12946 **ferreña** *s.f.* Ver FERRAÑA /12941. (Com1).

12947 **ferroia** *s.f.* Ver FERRAÑA /12941. (Lemos2, Parade.).

12948 **ferrolla** *s.f.* Ver FERRAÑA /12941. (Incio).

12949 **forraxe 1** *s.f.* Herba, alfalfa, trevo etc., que se corta no campo para lla dar ás vacas na corte. (Ancares2, ERG).

12950 **forraxe 2** *s.m.* Ver FORRAXE 1 /12949. Nótese o xénero masculino por influencia do castelán. (Cab., Cre.).

12951 **herba 1** *s.f.* Calquera tipo de planta anual de talo tenro, base da alimentación dos animais herbívoros. Nome xenérico. Moitos lexicógrafos recollérono sen hache inicial, (*erba*), polo menos algunha vez: Rodríguez, Cuveiro, Porto, Aníbal Otero, Filgueira, Eladio Rodríguez, Rivas Quintas. O *Glosario de voces galegas de hoxe*, como é sabido, nunca utiliza o hache. (Común).

12952 **herba 3** *s.f.* Cada unha das tandas de herba que dá un prado. "En Ancares los *praus* (que son todos de riego), suelen dar una pación o *herba* en la primavera. Después de la *sega* y la *malla no vráun* dan una segunda hierba: *l'outono*, *outonada* (aproximadamente en setiembre), que es la *otoñada* en Oseja de Sajambre y en Villacidayo". (Ancares2:132-133).

12953 **hiarba** *s.f.* Ver HERBA 1 /12951. (Goián).

12954 **lera** *s.f.* Herba. No barallete. (Morei.).

12955 **louza** *s.f.* Forraxe verde que se lle dá ó gando. LG aplícao concretamente ó millo. (CP, ERG, LG).

12956 **maniza** *s.f.* Feixe de herba. (Burón, Suarna).

12957 **mes** *s.f.* Planta para o consumo da facenda. (Gud5).

12958 **molime 2** *s.m.* Herba segada no prado para darlla na corte ó gando en verde. (VLLM).

12959 **orxá** *s.f.* Rivas Quintas só nos di: "Clase de hierba forrajera", sen dar máis datos. (Insua1).

12960 **orxo** *s.m.* Avea ou cebada verde para forraxe. (Burón, ERG, Laxe, Mel1, Razo, Suarna, Toba).

12961 **outanía** *s.f.* Ver OUTONO 2 /12968. (Vala.).

12962 **outonada** *s.f.* Ver OUTONO 2 /12968. (Ancares2).

12963 **outonesa** *s.f.* Ver OUTONO 2 /12968. (Com1).

12964 **outonía** *s.f.* Pasto que nos prados de secano retoña en setembro, logo dunha seitura para herba seca. (Burón, Ced., LG, Suarna, TCha, TCha2).

12965 **outoniza** *s.f.* Ver OUTONO 2 /12968. (Cab., Gui.).

12966 **outonizo** *s.m.* Ver OUTONO 2 /12968. O noso informante en Paradela dinos que *a herba segada en verde cháma-se 'outonizo' e a herba segada seca e para conservar seca para dar ao gado noméase 'feno'* (Parade.:248). (Lemos2, Nove., Pantón, Parade., Xun.).

12967 **outono 1** *s.m.* Herba que se corta en verde cando está medrando e está fresca, para darlla ó gando así en verde. *-Ou, Sabela, Sabeliña,/ ¿pr'ónde vas, prend'adourada?/ -Vou por un féixe d'outono/ ó lameiro d'a Penalva* (PL3:2). (PL3, Xun2).

12968 **outono 2** *s.m.* Herba nova dos prados, que nace despois de recollido o feno. A vogal tónica pronúnciase moi pechada. "En Ancares los *praus* (que son todos de riego), suelen dar una pación o *herba* en la primavera. Después de la *sega* y la *malla no vráun* dan una segunda hierba: *l'outono*, *outonada* (aproximadamente en setiembre), que es la *otoñada* en Oseja de Sajambre y en Villacidayo" (Ancares2:132-133). (Ancares2, Cal., Cod., Gud., Moura, Mra., Ped1, Porto, Quiro., Ram., Vil.).

12969 **outunizo** *s.m.* Ver OUTONO 2 /12968. (Sob.).

12970 **pabenla** *s.f.* Herba que se utiliza para forraxe, de case un metro de alta, con espiga parecida á da avea que prende na roupa. (Mora1).

12971 **panasco 2** *s.m.* Herba áspera que medra nos prados de pouca auga e que nalgures se aproveita para darllo ás vacas paridas. "...y que algunos labradores aprovechan para las vacas paridas, según Valladares". (ERG).

12972 **panascón** *s.m.* Ver PANASCO 2 /12971. (Piquín).

12973 **pasto 2** *s.m.* Herba que pace o gando. Por extensión, alimento, comida da xente. (ERG, Sete-L, XER).

12974 **pastura** *s.f.* Pasto ou herba da que se alimentan os animais. (ERG).

12975 **penasco** *s.m.* Ver PANASCO 2 /12971. (Piquín).

12976 **penisco** *s.m.* Herba gramínea que nace entre os cereais. (Com1, Mon.).

12977 **picurea** *s.f.* Ver BATUME 2 /12923. (ERG).

12978 **pinisco** *s.m.* Ver PENISCO /12976. (Com1).

12979 **pradado** *s.m.* Cantidade de herba que dá un prado. *Un bon pradado de herba*. (Piquín).

12980 **purpia** *s.f.* Chisco, folla de herba. *Non hai purpia de herba que lle dar ó jado*. (Xun2).

12981 **raigás** *s.f.* Ver REIGRÁ /12984. (Carral, Mon.).

12982 **raigrás** *s.f.* Ver REIGRÁ /12984. (SComba).

12983 **regalía** *s.f.* Abundancia de pasto nos prados. *Outono, comida abundante no prado*. (Pentes1).

12984 **reigrá** *s.f.* Herba de Vigo; a denominación procede do ing. *Ray grass*. (Cab., Cre.).

12985 **reigrás** *s.f.* Ver REIGRÁ /12984. (Feás-A).
12986 **restebeira** *s.f.* Millo que se sementa despois do centeo, que non medra normal e que se usa de forraxe para os animais. (Cang1).
12987 **restrebeira 2** *s.f.* Forraxe que se sementa e recolle onde antes houbo centeo. (Fra.).
12988 **routono** *s.m.* Ver OUTONO 2 /12968. (Incio).
12989 **tesura** *s.f.* Tanda ou colleita de herba que produce un prado. (ERG).
12990 **verde 1** *s.m.* Forraxe, en xeral. *Hai que lle botar o verde ó jado*. *Nas primeiras horas do día dáselle unha comida que consiste en herba, ferraia, palla ou rama de guisantes, variando asegún o tempo e predomiñando no inverno 'o seco' e no vran 'o verde'* (Velle1:135). (ERG, Velle, VGR, Xun2).
12991 **verdea** *s.f.* Herba. Na verba dos arxinas. CHG escribe *berdea* por querer reproduci-lo betacismo común a toda a fonética galega. (CHG).
12992 **verdeosa** *s.f.* Herba. Na lingua dos cesteiros de Mondariz. (Mond1).
12993 **vianda 2** *s.f.* Ver FERRAÑA /12941. (Parade.).
12994 **xoio 1** *s.m. Lolium perenne*, herba gramínea que se utiliza para forraxe, normalmente segada. (Cal., Gui., Mra., San., Toba).
12995 ***otoño** *s.m.* Terceira corta que produce un prado. "La primera es el verde, la segunda la hierba de San Juán, la tercera el otoño, y la cuarta el retoño". (VGR).
12996 **avea louca** *s.comp.f.* Gramínea espontánea de zonas templadas. Gran e palla dánselle ó gando. Aplícase este nome, e mailos sinónimos *balloca*, *furaño* ou *panoia*, á *Avena fatua* ou á *Avena strigosa*. (ERG).
12997 **carroucha dos bois** *s.comp.f.* Herba que serve de alimento ó gando vacún. Parece se-la queiruga branca ou carpaza de flor amarela. (ERG).
12998 **carrucho dos bois** *s.comp.m.* Ver CARROUCHA DOS BOIS /12997. (Saln2).
12999 **herba boa** *s.comp.f.* Herba que se sementa en agosto como para herba seca nos lugares onde se recolle o millo. Ségase en abril-maio. (Bueu).
13000 **herba brava** *s.comp.f.* Herba dura que serve de pasto para o gando. (Razo).
13001 **herba de Vigo** *s.comp.f. Lolium perenne*, herba gramínea que nace no medio do trevo e que serve de alimento ó gando. Como a semente desta herba chegaba do Reino Unido ó porto de Vigo en sacos que, naturalmente, poñían *Vigo*, moita xente deu en chamala *herba de Vigo*. A denominación foi moi popular, maiormente na provincia de Pontevedra. (Común).
13002 **herba do rego** *s.comp.f.* Trigo que se sementa entre dous regos e que se sega en verde para o gando. (Ced.).
13003 **herba molar** *s.comp.f.* Herba de color gris ou verde abrancazada, de pouco medrío e suave, pero dura. (Cab., ERQ2, Ribela).
13004 **herba trigueira** *s.comp.f.* Unha das herbas leiteiras, especie de alpiste. (CP).
13005 **herba *folligenta** *s.comp.f.* Ver HERBA BOA /12999. (Bueu).
13006 **hiarba molar** *s.comp.f.* Ver HERBA MOLAR /13003. (Goián).
13007 **millo da resteba** *s.comp.m.* Millo que se sementa despois do centeo, que non medra de todo e que se usa de forraxe para os animais. (Grixó).
13008 **millo da revoltiza** *s.comp.f.* Millo que se recolle no outono e que se adica á alimentación do gando. (ERG).
13009 **millo das restrollas** *s.comp.m.* Ver MILLO DA RESTEBA /13007. (Vil.).
13010 **millo restebado** *s.comp.m.* Ver MILLO DA RESTEBA /13007. (Com1).
13011 **millo serodio** *s.comp.m.* Ver MILLO DA RESTEBA /13007. (ERG, Grixó).
13012 **millo tardeiro** *s.comp.m.* Ver MILLO SERODIO /13011. (ERG).
13014 **ferraxeiro** *adx.* [Centeo] que se sega en verde para o gando. (Rubiá).
13015 **leitar 1** *adx.* [Herba] nutritiva que estimula a produción de leite por parte das vacas. *Pois veno buscar* [o queixo] *se queres/ qu'eu heicho de fäcer ben/ ha de ser queixo con ghusto/ porqu'o leite vale benhe./ Home eu xa non m'engaño/ qu'eu tamén o hei falare/ porqu'esäs herbäs de Tallo/ polo visto son leitares./ Son herbäs de muito leite/ herbäs de boa nabiña/ e no'stán con herbas solas/ qu'as vacas comen fariña*. SCHU localízao en Ponteceso. (SCHU5/2/26).
13016 **leiteira 5** *adx.* [Herba] que alimenta ben as vacas para que dean máis leite. (Cod., CP, MVN, VLQ).
13017 **leitosa** *adx.* [Herba] que deita un zume leitoso, e que se considera boa para pasto. (Parade.).
13018 **tenra** *adx.* [Herba] verde pero enxuta. (PAre1).
13019 **verde 2** *adx. substantivado* [Herba] que se sega verde para forraxe. (Ancares2, Cod., Mon., Mra., Sob., Xun.).
13020 **ser un mormo** *loc. v.* Ser [a herba] tenra e non manter nada. *Todo é un mormo*. (Piquín).

A boa herba gárdaa Dios. (VS)

A conciencia era ferraña verde e comérona as vacas. (XTC4) [1559]
A vergonza era verde i comeula úa vaca. (XBG:480)
A herba que come o teu gado ca esterca faiche bo pago. (VLLM:2,79) [1560]
A vaca da miña veciña come menos herba e dá máis leite cá miña. (XSL:48; ANV1:77; VLLM:1,131; XTC4; VS; Alla3) [1561]
Ano de herba, ano de merda (ERG:ano; Ctel1; Antas4; Grou; Carte.; Pantón; Vald3; XTC4; RCI; Gud5:88; VS) [1562]
Ano de herba, ano de miseria. (Mel2:466) [1563]
Ano de herba, compra herba. (Antas4) [1564]
Ano de herba, garda herba. (VS)
Ano de moita herba, ano de merda. (UCA2:24) [1565]
Ano de moita herba, ano de moita merda. (NevesC; SCD2; ZM:38; UCA:36.07; JASA2:341) [1566]
Ano de moita herba, ano de moita perda. (ERG:ano; Parade.:304; DRAG; PdM:28; UCA2:24; VS)
Becerro de herba, becerro de merda. (Grou) [1567]
En ano de herba, garda herba. (JASA:331)
Ano dereito, dá herba o barbeito. (ERG:ano; NevesC) [1568]
Ao boi vello, gústalle o outono novo. (Vald3) [1569]
Boi de prado non quer molime segado. (VLLM:1,134)
Boi do prado rexeita o molime seitado. (VLLM:1,134) [1570]
Boi vezado ao prado non quer batume segado. (VLLM:1,134) [1571]
Compra clase e vende herba. (VS)
Compra raza e vende herba. (VS) [1572]
Que dea a vaca bo tenreiro, que moito leite coa herba no prado non hai que esperalo (ERG:vaca)
Que dia a vaca bon becerro /bos xatos e bo leite coa herba do prado non hai que esperalo. (EAG:27; VLLM:1,152) [1573]
Que día a vaca bon becerro e moito leite coa herba no prado, non hai que esperalo. (VS) [1574]
Si queres ter boa herba, coida o prado como a leira. (ZM:229)
Vaqueiro tolo, ti pagas a herba i eu ma como. (VLLM:1,156) [1575]

E, por fin, esta máxima de Jacinto del Prado: *A herba do alto en abril pastada, en setembro debe ser aproveitada* (VS).

[1559] Tamén de Chivite este paralelo: *A conciencia é verde e comeuna un burro*.

[1560] Llópiz: *gâdo*, *bó*; recólleo en Pereira de Aguiar.

[1561] ANV1: *mais*; XSL, ANV1, VLLM e VS: *que a*; Llópiz: *erba*; aquí o manuscrito ten xa corrixido **dai* en *da*; recólleo de Noriega Varela (*Sabiduría popular*, 1935). XTC4: *viciña, da, mais, qu'a*. Trátase dun refrán antigo que xa usaban os poetas latinos: *Quodque aliena capella gerat distentius uber, tabesco* (Horacio: *amólame que a cabriña allea teña o ubre máis grande*) e *Vicinumque pecus grandius uber habet* (Ovidio: *o gando alleo ten ubre máis grande*).

[1562] O noso informante en Antas4 explica que se refire a herba como froito, millo, patacas. En Carte. disque un ano de moita herba será un ano de ruíns colleitas porque choveu moito e houbo pouco sol. No texto: *erba* (Pantón), *ano de m* (Grou, por euf.); *d'herba, ano de m...* (VS, por euf.).

[1563] Realmente, este refrán está transcrito formando parte doutro máis amplo: *Ano d'ameixas, ano de queixas; i ano de herba, ano de miseria*, que dividimos en dous por coherencia con outros refraneiros.

[1564] Enténdese herba seca

[1565] No texto: *ano de m...*

[1566] No texto: *muita* (SCD2); *moita m...* (UCA, JASA2).

[1567] Por eufemismo: *becerro de m.*

[1568] No texto: *da* (ERG).

[1569] No texto: *gustalle*.

[1570] Llópiz recólleo de E. Beceiro en Cariño; explica que *molime* é *broza fresca de monte segada con fouciña*. Notable o arcaísmo *seitado*.

[1571] Llópiz: *bezado*; explica que *batume* é a herba cortada para lla dar en verde ó gando. Recólleo na Misión Biolóxica de Gudín (Pontearéas).

[1572] Saco explica que *la raza suple lo que otras puedan dar con mayor alimentación*.

[1573] EAG: *moita leite, c'o a, d'o, n'o*; Llópiz corrixe *dia* por *deia*, *n-o hai* por *n'ai* e *bon becerro* por *bos xatos*. O refrán parece ser máis coherente na forma en que o presenta ERG (*coa herba no prado*), é dicir, sen darlle a herba do prado, sen alimentala.

[1574] VS no mecanoscrito: *moita leite*.

[1575] Llópiz: *y-eu*, *m'a*; ese pronome e a súa colocación non son regulares en galego. Llópiz recólleo en Navia de Suarna de M. Vázquez Díaz e explica que é contestación dun *xaldo* (labrego) á un vaqueiro que está a botar por ela; xaldos e vaqueiros lévanse mal.

¡Ai, Maruxiña!
Non vaias á herba
que vén o vento
e toda cha leva.
¡Ai, Maruxiña!
toda cha leva,
lévacha toda.
¡Ai, Maruxiña!
non vaias agora. [1576]

¡Ai, Maruxiña!
Non vaias á herba
que vén o vento, Maruxa
e toda cha leva,
toda cha leva,
lévacha toda.
¡Ai, Maruxiña, Maruxa!
Non seas tola. [1577]

Eu fun á herba ó prado,
deixei o xugo na presa,
deixei a túa conversa,
deixeina e mais non me pesa. [1578]

Eu pedín o leite á vaca,
a vaca pídeme herba,
os burros cómena toda:
miña vaca, ten paciencia. [1579]

Eu pedín o leite á vaca,
a vaca pideume a herba;
herbiña lle pido ó prado
e o prado pídeme rega. [1580]

Eu pedinlle leite á vaca,
a vaca pideume herba,
a herba pideume prado,
o prado pideume rega. [1581]

Eu pedinlle leite á vaca
a vaca pideume herba
eu pedinlle herba ó prado
o prado pideume rega. [1582]

Eu pedinlle leite á vaca,
e a vaca pediume herba;
pedinlle herba ó herbal
e o herbal pediume rega. [1583]

Eu pedinlle leite á vaca
i a vaca pediume herba,
eu pedinlle herba ó campo
i o campo pediume a rega. [1584]

Eu pedinlle o leite á vaca,
a vaca pediume a herba,
eu pedinlle a herba ó prado
i o prado pediume a regha. [1585]

Eu pedinlle o leite á vaca,
a vaca pideume a herba;
eu pedinlle a herba ó prado,
o prado pideume a rega. [1586]

Eu pídolle o leite á vaca,
a vaca pídeme a herba,
herbiña lle pido ó prado
e o prado pídeme rega. [1587]

I eu pidinlle leite á vaca
e a vaca pideume herba
e herbiña pedinlle ó prado
e o prado pediume rega. [1588]

- Levántate, carreteiro,
bótalle a herba ó gado.
- Inda non é media noite,
inda non cantou o galo. [1589]

1576 Capela.:234. No texto: *ven*.
1577 Capela.:234.
1578 LimiaB:81. No texto: *erba*, *tua*.
1579 "Cantares d'o dia" (TMP 57, 14.12.1884; 6-7). No texto: *erba*.
1580 MVN:343. No texto: *pedin, lèite á vaca, pideum'a hérba, hérbiña, pidò ò prado, règa*.
1581 Lama2:88, RC:98. No texto: *pidéume, erba* (RC).
1582 SCHU1/2/264. No texto: *leit'á vaca, pedinll'herba*.
1583 MRV:63.
1584 LimiaB:83. No texto: *erba*.
1585 Antas4.
1586 Coto2:55. No texto: *pedínlle*.
1587 JPBIII:23.7. No texto: *pídoll'o*, *â vaca*, *pídem'a*, *ô prado*.
1588 Ctel10.
1589 TCha:46.

Miña nai mandoume á herba
¡váiase á merda o fouciño!
Ben me podía mandar
furar a pipa do viño.

Miña nai mandoume á herba
¡váiase ó corno o fouciño!
Ben me podía mandar
furar a pipa de viño. [1590]

Moreniña a mais ben
es amighiña dus homes
coma o boi do alcacénhe. [1591]

Pidinlle leite á vaca,
a vaca pidiume herba,
pidinlle herba ó prado
e o prado pidiume rega. [1592]

Raio che me nunca parta,
as vacas no alcacén,
as mociñas de Carelle,
non valen para ninghén. [1593]

Seghei a herba nun prado
tamén a seghei na presa
larghei a túa conversa
se a larghei non me pesa. [1594]

Seghei unha herba na presa
tamén a seghei no prado
larghei a túa conversa
tomei outra de contado. [1595]

9.10.6.1. A herba que non come o gando

13021 **bosteiro 3** *s.m.* Zona onde o gando non pace por estar estrado de bosteiras. (Dum.).
13022 **cagaceira** *s.f.* Ver CAGALLEIRA /13023. (Gui., Sob.).
13023 **cagalleira** *s.f.* Herba que o gando non come por medrar entre bostas. (Cab., Feás-A, Mel1).
13024 **cagallueira** *s.f.* Ver CAGALLEIRA /13023. (Fri.).
13025 **coucheiro** *s.m.* Herba que as vacas non pacen por lle cheirar mal. (Xun., Xun2).
13026 **croucheiro** *s.m.* Ver COUCHEIRO /13025. (Xun2).
13027 **moutelo** *s.m.* Herba que o gando deixa sen pacer porque lle cheira mal. (Xun2).
13028 **petouco** *s.m.* Monte de herba que queda sen pacer no prado. (LG, Xun2).
13029 **herba bosteira** *s.comp.f. Ú. t. c. adx.* Herba que o gando non pace por medrar entre bosteiras. (Laxe).
13030 **herba bostieira** *s.comp.f. Ú. t. c. adx.* Ver HERBA BOSTEIRA /13029. (Mel1, Vil.).
13031 **herba buleira** *s.comp.f. Ú. t. c. adx.* Ver HERBA BOSTEIRA /13029. (Incio).
13032 **herba de bosta** *s.comp.f.* Ver HERBA BOSTEIRA /13029. (Com1).
13033 **herba do cagadoiro** *s.comp.f.* Ver HERBA BOSTEIRA /13029. (Com1).
13034 **herba fea** *s.comp.f.* Ver HERBA BOSTEIRA /13029. (Com1).

A herba que non a come o faco, tampouco lla días ao gando. (VLLM:1,127) [1596]
A herba que non está pra o faco, tampouco hai boi que a coma. (VLLM:1,127) [1597]
A herba ruín non a come o gando. (Camb1:62; Castre.)

Chamácheme trobisquiña,
herba que o gando non come;
vale máis ser trobisquiña
que muller de ruín home. [1598]

[1590] VIÑO2:26. No texto: *mandóume*.
[1591] SCHU6/2/2158. No texto: *com'o*.
[1592] Carb-L:49. No texto: *Pidínlle, pidíume.* VS4 recolle esta mesma cantiga en Buciños con irrelevantes variantes ortográficas.
[1593] Sob3. No texto: *ninjén*.
[1594] SCHU6/2/864.
[1595] SCHU1/2/266, SCHU6/2/726.
[1596] Llópiz: *Días* por *deas*. Llópiz recolleu este refrán en Sarria en 1931.
[1597] Llópiz: *pra-o*, *erba*, *ai*. Recolleito en Sarria en 1947.
[1598] Tea:46, Morei:410. No texto: *trovisquiña*, *mais* (Tea); *de un ruín home* (Morei). O trobisco (*Daphne gnidium*) é unha planta arbustiva moi común nas terras galegas que se caracteriza polo sabor amargo das súas follas e da casca (*Acedo como o trovisco*, VLLM:1,164). A casca, que se separa facilmente da parte leñosa, é a parte que se utiliza na medicina popular, como purgante drástico e vesicatorio. Utilízase tamén para empezoña-los ríos e atorda-los peixes, que así se poden coller á man.

Chamácheme trubisqueira,
herba que o gando non come;
vale máis ser trubisqueira
que muller de ruín home. [1599]

Chamácheme trubisqueira
herba que o gado non come
vale máis ser trubisqueira
que ser muller de un mal home. [1600]

Chamáchesme trobisqueira,
herba que o gando non come,
vale máis ser trobisqueira
ca casar con ruín home. [1601]

Chamáchesme trobisqueira,
herba que o gando non come,
vale máis ser trobisqueira
que a muller dun ruín home. [1602]

Chamáchesme trobisqueira,
herba que o gando non come:
vale máis ser trobisqueira
que muller de ruín home. [1603]

Chamáchesme trubisqueira
herba do gado que non come
vale máis ser trubisqueira
que muller de malo home. [1604]

Chamáchesme trubisqueira
herba que gando non come
vale ser máis trubisqueira
que muller dun ruín home. [1605]

Chamáchesme trubisqueira,
herba que o gado non come;
máis vale ser trubisqueira
que muller de malo home. [1606]

Chámasme trubisqueira,
herba que o gado non come;
vale máis ser trubisqueira
que muller de ruín home. [1607]

9.10.6.2. A herba seca

O gandeiro debe prepararse para o inverno, época na que o gando non pode saír ó pasto e na que debe recibi-lo alimento na corte. Ademais de penso e de certos subprodutos que se lle poidan dar, a herba seca e, actualmente, o ensilado representan a base da alimentación do gando estabulado.

Como norma xeral, o momento ideal para corta-la herba é a finais de abril, antes de que empece a abri-la espiga, e logo déixase secar no mesmo campo antes de proceder á súa ensila.

En Galicia calcúlase que a produción de forraxe seco procedente de prados artificiais alcanza cifras superiores ós catro millóns de toneladas. Outra fonte importante de forraxe para o gando é o cultivo de millo con este fin, sementando mesto e sen deixar forma-la mazaroca.

A forma máis habitual de conserva-la palla ou herba para alimentación do gando era ó ventimperio (primeiro en *meda*s e despois en *palleiros*) ou en lugar cuberto, chamado normalmente *cuberto* pero tamén, segundo as zonas, *coberto, alboio, alboia, albó, balcón, cabanel, cabano, cabanote, pallarega* ou *pendello.*

As *medas* son moreas de herba que queda no prado pero tamén moreas de pés de millo xa cortados pero antes de lle esfolla-las espigas [1608]. Sinónimos son *meada, medeira* e *medeiro.*

[1599] Lama2:194.

[1600] SCHU5/2/249b. No texto: *truvisqueira*.

[1601] VD:287. No texto: *chamachesme, trovisqueira, herva, mais, ruin.*

[1602] Corme1:489. No texto: *mais, de un, ruin*.

[1603] Coto2:44. No texto: *trovisqueira*.


[1604] SCHU5/2/249a. No texto: *truvisqueira, vale ser máis* (sic).

[1605] MRV:50.

[1606] LimiaB:63. No texto: *truvisqueira, erba*.

[1607] Salc4. No texto: *truvisqueira*.

[1608] É curiosa a historia da palabra *meda*. Procede da palabra latina *meta* que significaba "bico da teta", "pezón" e chegouse ó significado deportivo porque dúas medas ou metas grandes de pedra marcábanlles no circo ós corredores o punto de saída e o de chegada. E, por certo, na paisaxe as medas de herba ou pés de millo teñen en grande a figura dos pezóns. E é curioso que en galego *meda* sexa tamén un dos sinónimos desas elevacións semiesféricas do terreo que agachan un dólmen, pero non só pola figura na paisaxe senón tamén porque o seu nome máis común é o de *mámoa* (que vén do latín *mamula*), o outro nome latino do pezón. ERQ1 fai unha importante observación no seu *Frampas I* cando di *Haremos notar, aún, el paralelismo que hay entre las "metas lactantes" de Marcial (clase de quesos) y el "queixo de teta" gallego.*



Palleiro.



Ensilado (Arzúa).

Reguera y Pardiñas (ERP) define deste xeito o *palleiro*:

> *Llaman así en Salnés a un gran montón de paja, o heno (yerba seca) suelto: castellano almiar. Llaman también palleiro al montón de maíz, que van arrimando suelto para irlo deshojando, y su versión castellana es hacina. A medida que se deshoja la mazorca (gallego) espiga, [la paja] se va atando la paja en manojos y reuniéndolos en rimas, que igualmente llaman palleiros, y viene a ser en castellano almiar. Para mejor comprensión diremos que en las Mariñas (Betanzos), otros parajes de Galicia y de España, se separan las mazorcas del pie, se amontonan, y las deshojan, ora despojándolas enteramente, ora dejándoles algunas túnicas adheridas, y con ellas las van enristrando hasta hacer grandes sartas; después siegan la paja y la ponen en palleiros; mas en Salnés se verifica la siega sin despegar la mazorca de la caña, y al deshojar aquella, quedan sus túnicas en esta, con designio de que las vacas coman mejor la paja durante el invierno, desnudas y limpias las mazorcas se entrojan en el hórreo, que los salnesanos llaman palleira, piorno o cabana indistintamente. A los montones de maíz por deshojar y adherido todavía a su pie le llaman también en Meis medeiros, en la Ulla y Tabeirós calcos.*

O cobertizo ou casa vella na que se garda a herba seca e maila palla (pero tamén o carro, o arado e demais apeiros de labranza) denomínase *alboio* en Cab., ERQ3, Goián, Gro1., Marín, e Vala.; *albó* en Feás-A; *alboia* en Goián; *balcón* (ERG). ERG e ERQ3 recollen tamén *alpendre* e *pendello.* ERG (e, polo tanto XLFG) di que, cando está cuberto con palla colma tamén se chama *pallota* ou *pallote.* Hermi. chámalle *pallarega* e cóntanos como gardaban por alí a herba seca:

> *A herba había que pisala para que collera máis. Esta laboura era feita polas persoas e incluso metíaselle a res ou as vacas, que calcaban mellor cás persoas. A pallarega era feita cos materiais do país, pedra de pizarra ou cantería; tiña o teito de palla e moitas delas tiñan na parte lateral ou frontal un ventanuco para mete-la herba ou sacala.*

As espigas de millo sécanse e gárdanse para consumo humano, pero tamén animal, nas construcións específicas chamadas *horreos / hórrios, cabanas, cabazos, cabaceiros, cabaceiras, cabocos, canastros, celeiros, coraceiros, espigueiros, piornos, palleiras* etc. Pero iso xa se desvía do obxecto deste libro.

Na actualidade é cada vez máis residual o uso da herba seca, substituído polo ensilado, que conserva moito mellor as propiedades nutritivas da herba. O proceso, que vén durando uns 15 días, consiste en provocar unha fermentación ácida en ausencia da luz e do aire, circunstancias que inhiben a acción dos enzimas e o crecemento de microorganismos indesexables, á vez que permiten o das bacterias ácido-lácticas. O produto resultante é dunha consistencia firme, cor amarela-verdosa e olor picante característico, cun pH de 3,5-4.

13035 **balume 2** *s.m.* Herba seca mesturada con toxo e outras herbas silvestres do monte. (ERG, Lama-B).

13035b **ensila** *s.f.* Acción de apaña-la herba, triturar e almacenar protexéndoa do aire e da luz para evita-las fermentacións aerobias. (Carte5).

13036 **fenada** *s.f.* Feno. Ten matiz abundancial. *Hai unha fenada iste ano que non se dá cortado*. (Abele.).

13037 **feno 1** *s.m.* Herba segada e seca que serve como complemento alimenticio do gando na corte. O noso informante de Paradela identifica esta herba con gramíneas das especies *Holcus lanatus* e *H. mollis*, *con caniñas delgadeiras de uns 20 cm de altura, follas estreitas e flores en espiga aberta e con arganas no cascabullo* e engade que segada en verde se denomina *outonizo* e segada en seco é o *feno* (Parade.:248). (Com1, CP, ERG, Enxames, Parade., Ram., Vil., XLF).

13038 **herba 2** *s.f.* Herba seca. "'A herba seca' ... que se llama sin más *a herba*". (Ancares2).

13039 **moteira** *s.f.* Ver MOUTA /13040. (Toba).

13040 **mouta** *s.f.* Morea de herba seca no prado. (Feás-A, Gui.).

13041 **seco 1** *s.m.* Palla, herba seca etc. que se lle dá ó gando na corte, en contraposición á herba verde que pacen directamente. *Nas primeiras horas do día dáselle unha comida que consiste en herba, ferraia, palla ou rama de guisantes, variando asegún o tempo e predomiñando no inverno 'o seco' e no vran 'o verde'* (Velle1:135). *As vacas rumiaban nas cortes o seco que lle diran, por non estar o tempo de botalas fóra* (GB2:104). (Fuxás, GB2, Macei., Taboa., Velle1).

13042 **herba curada** *s.comp.f.* Ver HERBA SECA /13044. *Cando chegaron coiles xa os palleiros ían adiantados. Eran dous, o da palla centea i o da herba curada que levaba tamén a palla de trigo* (GB2:131). (CarbCo., GB2, MNV, ROP1, Tab1).

13043 **herba de curar** *s.comp.f.* Ver HERBA SECA /13044. *Estaban moi cansas, moi cansadiñas de traballar arreo. A rega do millo, a decrúa do serodio, a sega da herba de curar, a*

carrexadura do centeo prás eiras, a corta dos sibadeiros, traballos todos que non tiñan espera e que non se daban feitos. (GB2:195).

13044 **herba seca** *s.comp.f.* Herba que se sega e deixa secar ó aire libre para darlla seca ó gando despois do pasto ou, maiormente, no inverno. (Común).

13045 **herba *blanca** *s.comp.f.* Herba longa dos prados que se garda no palleiro e que se lle dá seca ó gando. (Feás-A).

13046 **pasto seco** *s.comp.m.* Ver HERBA SECA /13044. (LG, Morai.).

13047 **pallarega** *adx.* [Herba] seca que se tira do palleiro para llela dar ás vacas. (VLLM).

A ferraña de xaneiro non vai ó palleiro. (XLF2:15; AdC:6; ANV1:90; ZM:19) [1609]
Agosto ardeiro, herba no palleiro. (Gud5:86)
Agosto ardenteiro, herba no palleiro. (VS) [1610]
Herba pallarega non a quer a marela. (VLLM:1,151) [1611]
Herba segada, por o sol agarda. (Carb-L2)

9.10.7. A palla (milla, triga, centea)

13048 **palla** *s.f.* Pé seco das gramíneas despois de tirarlle a espiga. A nosa fonte escribe *paya* en Razo. (Arzúa2, Borre., CarbCo., Cast., Conxo, Figue2, Lendo, Medín, Ortoño, Rama., Razo, Ribad., Sofán, Suevos, Vtose.).

13049 **panada 1** *s.f.* Brazada de palla ou de herba seca. (Com1, Toba).

13050 **presa 1** *s.f.* Ración diaria de palla que se tira do palleiro no inverno para llela dar ás vacas. (VLLM).

13051 **releiro** *s.m.* Palla mallada que se pon en feixes para darlla ó gando no inverno. (Burón, Suarna).

13052 **restoalla** *s.f.* Conxunto de restos de palla da malleira que se gardan para darllos de comer ó gando. (LG).

13053 **restreba** *s.f.* Conxunto de cañotos da palla que quedan no campo despois de sega-lo cereal e ós que se leva o gando a pacer. Eladio Rodríguez escríbeo con uve. (Cab., Cal., Ced., Cod., Com1, Cur., ERG, Feás-A, Fri., Gro1, Gui., Gun., Incio, Mel1, Mra., Pan., San., Sob., Vala.).

13054 **restrebe** *s.f.* Ver RESTREBA /13053. (Xun2).

13055 **restrebeira 1** *s.f.* Terra ou conxunto de terras que quedan sen cultivar. Aprovéitanse para pasto. ERG escríbeo con uve. (ERG).

13056 **restroballo** *s.m.* Ver RESTREBA /13053. (ERG).

13057 **restrolla** *s.f.* Ver RESTREBA /13053. (ERG).

13058 ***pagha** *s.f.* Ver PALLA /13048. A nosa fonte escribe *paja*. (Zamáns).

13059 **palla de millo** *s.comp.f.* Ver PALLA MILLA /13013. (Pantón).

13060 **palla do millo** *s.comp.f.* Ver PALLA MILLA /13013. (Com1).

13061 **palla do mio** *s.comp.f.* Ver PALLA MILLA /13013. A nosa fonte escribe *paya*. (Arme.).

13013 **palla milla** *s.comp.f.* Parte inferior da cana de millo, que, cortada en verde, serve para forraxe. Callo e Tab3 escriben *paya*. (Callo., Tab1, Ver1).

13062 **palla seca** *s.comp.f.* Ver PALLA /13048. (Agro., Dum., Lañas, Noal).

13063 **palla triga** *s.comp.f.* Palla do trigo que lles dá ás vacas paridas como comida. (Bidu., Calo, Com1, Sob.).

13064 **cana cuca** *loc. s. Ú. m. en pl.* Pé de millo utilizado como alimento do gando. (Ver1).

Ao cheiro da presa a vaca brúa/brada na estrebeira. (VLLM:1,129) [1612]
Boi de palla, besta de herba e home de moita verba, todo é merda. (EAG:11; EAG2:336; VS) [1613]

[1609] No texto: *ao palleiro* (AdC); *ô palleiro* (ANV1); *ferreña, ao* (ZM). Zamora Mosquera escribe realmente: *ao poleiro*, que consideramos erro ó comparalo cos paralelos; repite o refrán na páxina 260, xa coa forma *palleiro*, pero neste caso escribe *ferrefa* por *ferreña*.

[1610] VS explícao porque *es la época de la siega y el calor favorece*.

[1611] Llópiz explica que *herba pallarega* é a ración de herba seca que se tira do palleiro para llela dar ás vacas e que sempre lles gusta menos cá herba fresca; cita var. *Presa de palleira non lle peta á marela*.

[1612] Llópiz recólleo en Sarria de L. Páramo e explica que *presa* é a ración de penso do pallal que polo inverno se lles dá ós bovinos estabulados, que *estreveira* é un departamento nas cortes onde se moxen as vacas, e que *bradar* é bruar forte.

[1613] No texto: *todo é m...*, por eufemismo. Saco ofrece este equivalente: *Amigo de verba, caballo de hierba y casa de tierra, todo es mierda* (R. Marín).

Boi de palla, besta de herba e home de verba, todo é merda. (XMSH:43; UCA2:26; ZM:47) [1614]
Bois de palla, bois de nada. (VS)
Nin vaca de moita herba nin home de moita barba. (VS) [1615]
Vaca de moita herba e home de moita verba, todo se compón de merda. (VS)
Vaca de moita herba e home de moita verba, todo se volve merda. (VS) [1616]
¡Deita palla ao boi, Gonzalvo, deita palla ao boi! (VLLM:1,139) [1617]
O boi come a palla e os ratos o millo. (VLLM:1,146) [1618]
O demo é iste boi rabón, farto de palla non quer arar non. (VLLM:1,147) [1619]
O mainzo que espiga antes de san Bartolomeu, é meu; o que espiga despois, é dos bois. (EGE:47) [1620]
O millo que barba diante do san Bartolomeu, inda é meu; o que barba dispois, é dos bois. (VS)
O millo que barbea denantes de san Bartolomeu, é meu; o que barbea despois, é dos bois. (EGE:47; TMon2) [1621]
O millo que madura antes de san Bartolomeu é meu, e o que madura despois, é dos bois. (VS) [1622]
O que abarba antes de san Bartolomeu é meu, o que abarba despois é dos bois. (XFR2:166; Antas5) [1623]
Ovella, égoa, porca e vaca, polo inverno en col da palla. (VLLM:2,91) [1624]
Presa de palleira non lle peta á marela. (VLLM:1,151) [1625]

Aí vén a estrela do día
aí vén o día alumbrante
lovantávos carreteiros
bótalle palla ó ghando. [1626]

Levántate labrador
e bota palla ó ghando
que eí vén a ialba do día
todo o mundo traballando. [1627]

9.10.8. O penso

A gandería tradicional non só utilizaba herba para alimenta-lo gando senón tamén fariña, gran, palla e outros produtos secos para suplementa-lo pasto, sobre todo en épocas nas que tiña que manter estabulado o gando ou en momentos de maiores necesidades nutritivas, como é o caso dos primeiros meses de lactación. Esta mestura facíase na casa e cos produtos cos que contaba o gandeiro en cada momento. Co tempo, pasou a fabricarse industrialmente con grans de cereais e leguminosas moídos máis o menos groseiramente e engadíndolle residuos doutros procesos industriais, como o bagazo da uva, melaza ou restos de carne ou peixe convertidos en fariñas –que achegan principalmente proteínas animais e vexetais-, xunto con suplementos de orixe mineral e moitas veces farmacéutica, calculándose cientificamente as porcentaxes destas mesturas para cubri-las necesidade nutritivas propias das distintas especies, idades e producións. Nace así o concepto de penso composto, penso industrial, que se estende baixo o castelanismo *pienso* e que corre de forma paralela ó alimento concentrado caseiro, que segue mantendo o nome de *penso*.

[1614] No texto: *todo é m...*, por eufemismo (UCA2). Un boi alimentado só con palla nunca será un animal forte para o traballo. Tampouco a herba soa representa alimento suficiente: *Amigo de verba, cabalo de herba e casa de terra, todo é merda* (XMSH:43). A serie de refráns que repiten esta mesma idea é máis ampla pero xa omite a referencia ó gando bovino. *Besta de herba, besta de merda* (UCA2:26; ZM:45), *Besta de herba, besta de perda* (UCA2:26; ZM:45: *pérda*), *Nin besta de solo herba nin home de moita verba* (XTC4); *O que mantén con herba, mantén con merda*, *Besta de herba, besta de merda; besta de toxo, besta que dá noxo; besta de pan e cebada, besta prá xornada* (VS). Moreiras Santiso explícao así: *A razón é ben sinxela: a casa* [de terra] *non é segura, o boi (besta-cabalo) se non come bo pienso é froxo, e o amigo ou home de moita labia, nin por eso!*.

[1615] Coidamos que é un erro *barba* por *verba,* porque é o único caso no que aparece, porque non rima e porque o propio VS ofrece este equivalente que recolle de R. Marín: *Ni hombre de sola verba, ni bestia de sola hierba*.

[1616] VS: *todo se volve m.*, por eufemismo.

[1617] Llópiz explica que equivale a dicir *fai as túas cousas e non te preocupes de máis nada*.

[1618] Llópiz: *cómese*. Estráñanos ese reflexivo que Llópiz di que recollera A. Vidal Lois na Lea (Alto Miño, Lugo 1935).

[1619] Llópiz di que hai un sinónimo na antiga col. de Hernán Núñez.

[1620] San Bertomeu celébrase o 24 de agosto.

[1621] No texto: *dinantes* (TMon2).

[1622] VS: *do San Bertolameu/d'o San Bertolameo, i-o.*

[1623] Refírese ó millo. No texto: *Bartolomé, e meu, e dos bois* (Antas5).

[1624] Llópiz: *pol-o*; recólleo de V. Muñiz, prof. veter.

[1625] Llópiz: *â*; explica que *presa de palleira* é ración de herba que se tira do palleiro dunha vez para llela dar ás vacas no inverno; cita var. *Herba pallarega non a quer a marela* . Recólleo de A. Abelaira (*Folklore de La Capela*).

[1626] SCHU1/2/357.

[1627] SCHU1/2/269. No texto: *qu'eí, tod'o.*

A Consellería de Medio Rural daba para o 2005 un consumo total de pensos compostos de 544,7 millóns de euros en toda Galicia, lixeiramente superior ás cifras de 2004 (544,4 millóns de euros) [1628].

13065 **mesturilla** *s.f.* Mestura de varias fariñas que se utiliza como penso. (Com1, Sob.).
13066 **pación 2** *s.f.* Ración diaria de penso que se lle dá ó gando estabulado. (VLLM).
13067 **pensa** *s.f.* Ración de alimento (penso ou forraxe). *Dáse o nome de manxadoira ó sitio onde se lle bota a pensa ás vacas* (TCha:145). (Arcos, TCha).
13068 **penso** *s.m.* Alimentación especial con fariña que se compón na casa. *Pienso* é o que vén da fábrica, sg. Ver3. (ERG, JMP, Ver3, Xudán1).
13069 ***pienso** *s.m.* Ver PENSO /13068. (Cam2, Com1, Ram., Ver3).

Ao chamado acode o boi do que lle dea a pación. (VLLM:1,156) [1629]

9.10.9. O farelo, grans etc.

13070 **adubo** *s.m.* Farelos ou fariña que se botan na calda. (Ver1, Ver3, Xun2).
13071 **arrebleira** *s.f. Ú. m. en pl.* Gran partido ou semente de herbas que queda separada do gran limpo e que se utiliza para o gando. (Ped1).
13072 **caño 1** *s.m.* Ver COAÑO /13074. (Ced., Cod., Dum., Laxe, Marín, Nove., Oirós, Razo, Toba, Vala.).
13073 **casco 5** *s.m.* Relón do millo ou de trigo que se lle dá ó gando. (Com1, Mel1).
13074 **coaño** *s.m.* Moíña ou residuos de palla, espigas, grans sen descascar etc. que quedan dos cereais cando se criban. (Incio, Pexe., Ram., Ver1, Vil.).
13075 **cuaño** *s.m.* Ver COAÑO /13074. (Burón, Gun., Mra., Pantón, Ped., Per., Suarna, Xun.).
13076 **enfarna** *s.f.* Fariña ou farelo da comida dos animais. (Gud5).
13077 **enfarno** *s.m.* Comida dos animais preparada habitualmente con farelo. (Gud5, Mez., Mez3).
13078 **farelo** *s.m. Ú. t. en pl.* Conxunto de cascos do gran que quedan despois de moído e peneirada a fariña. Dos farelos non se fai pan, explica FMS. (Común).
13079 **fariña** *s.f.* Po resultante de moe-lo gran de algún cereal e que se utiliza como alimento, humano e animal. (Alence, CarbCo., Conxo, Macei., Rib-E).
13080 **recaño** *s.m.* Ver COAÑO /13074. (Ced.).
13081 **relón** *s.m.* Ver FARELO /13078. CP di que é o farelo groso na Ulla, Dena e Noia e o farelo fino (entre fariña e farelo) en Verín. FMS chámalle *relón* ó último farelo do millo e primeiro ou segundo do trigo e engade que deste se fai pan, pero que do relón do millo, non. (Común).
13082 **rilón** *s.m.* Ver RELÓN /13081. (Gun.).
13083 **rolón** *s.m.* Ver RELÓN /13081. (Com1, Cur., Ver1).
13084 **rulón** *s.m.* Ver RELÓN /13081. (Sob.).
13085 ***alvado** *s.m.* Ver FARELO /13078. (Com1, Razo, San.).
13086 ***salvado** *s.m.* Ver FARELO /13078. (Com1, Cur., Feás-A, Razo, SComba).
13087 **manchea de fariña milla** *s.comp.f.* Dieta da vaca a base de fariña de millo. (Barro,CLam3).
13087b **pan dos porcos** *s.comp.m.* Relón ou farelo máis ou menos esgotado de fariña, que se dá ós porcos, vacas e becerros. (Parade.).
13088 **papas de millo** *s.comp.f.pl.* Papas feitas con fariña de millo ou maínzo. Consómense para alimento humano ou como penso ou alimento do gando. (Parade.).
13089 **papas millas** *s.comp.f.pl.* Ver PAPAS DE MILLO /13088. (Parade.).

Boi que come fariña, non cansa. (VLLM:1,134) [1630]

[1628] Gasto distribuído en 203 millóns en Lugo, 171 na Coruña, 117 en Ourense e 74 en Pontevedra (*Anuario de Estatística Agraria 2005*). Cómpre advertir que a estatística non desagrega os destinados ás distintas especies animais.
[1629] Llópiz: *del-a pación*; explica que *pación* é a ración diaria de penso que se lle dá ó gando estabulado. Recólleo de T.E.A. en Neira onda Fonsagrada. Notable a colocación das palabras neste refrán.
[1630] Llópiz recólleo de J.G.G. (Malvas, Tui 1884).

9.10.10. Os subprodutos

13090 **afollada** *s.f.* Conxunto de follas exteriores do nabo e plantas parecidas que, en murchando, arríncanse para os animais. (Xun2).

13091 **baga** *s.f.* Residuos de oliva prensada que se utiliza como penso para o gando. (Ver1).

13092 **canabucho** *s.m.* Espiga de millo que non vai ó hórreo, xa por ser moi pequena ou por ser deforme. *En Vilaguillulfe -e en todas as veigas de Viana polo menos- chamábaselles canabuchos ou canavuchos ás espigas de millo que non ían ao hórreo, xa por seren moi pequenas ou por seren deformes. Como este millo non servía para fariña, os canavuchos xa non se esfollaban e gardábanse nun sitio seco para seren utilizados todo o ano. Utilizábanse como complemento alimenticio para o gando e na miña casa dábanselles sobre todo aos bois cando tiñan moito traballo. Acordo que meu pai, que andaba cos petos cheos deles, dicíalle ao Heladio do Ermida -que tamén tiña bois e que tiraban pouco- que eran mellor medicina os canavuchos que o aguillón, do que el abusaba bastante*. (Carte2).

13093 **carroncho** *s.m.* Espiga de millo pequena, que non medrou e que só se utiliza para alimento do gando. *C'a sua arada competente e en anos de chuvia no vrán [o millo] aproveitase pol-a espiga; os mais sirve somentes pr'o gando, pois non da sinón carronchos, espigas pequenas e mal criadas* (ROP1:50). (ERG, ROP1).

13094 **carroucho 1** *s.m.* Ver CARRONCHO /13093. (ERG).

13095 **colleitura** *s.f.* Conxunto de herba que se colle entre os nabos e follas sobrantes que se lle quitan ós nabos para darllas ó gando. (Barcia, Piquín).

13096 **curocha** *s.f.* Punta sen gran da espiga do millo que se lle dá ó gando. (Corz.).

13097 **folla 1** *s.f.* Ver FOLLA DE MILLO /13103. (ERG, Suevos).

13098 **fullato** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver FOLLA DE MILLO /13103. (Bar-Co).

13099 **furgallo** *s.m.* Espiga baleira que rompe ó mallar e que se garda para lle dar ó gando no inverno. (Ped1).

13100 **garabano** *s.m.* Caste de cabaza de forma irregular alongada que se lle dá ó gando. (Xun2).

13101 **murga** *s.f.* Pataca pequena que se lle dá ó gando. (Vil.).

13102 **picanzo** *s.m.* Castaña pequena ou merada que se lle dá ó gando vacún cando está seca. (Ped1).

13103 **folla de millo** *s.comp.f.* Especie de follas que cobren a mazaroca do millo e que se dedican a alimento do gando, cando están verdes. Non se deben confundir coas follas verdadeiras, que nacen ó longo da cana. (ERG).

13104 **folla de palla** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver FOLLA DE MILLO /13103. (Valad2).

9.10.10.1. Os pendóns de millo



Candeas de millo.

O millo produce as flores separadas. Na espiga, a futura mazaroca, están só as flores femininas, protexidas polas follas que cobren a espiga e das que só vémo-los pistilos formando esa barbela dourada tan

característica. No alto da cana están as flores masculinas, en longas inflorescencias de cor torrada das que cae o pole que fecundará as flores femininas. Unha vez producida a esfarna ou purga, as flores masculinas son innecesarias e pódense cortar, con toda a cana e mailas follas que teña por riba da espiga, para dar de comer ó gando. A esta parte da planta que se corta é á que nos referimos neste apartado.

13105 **alabarda** *s.f.* Ver CENCENO /13107. (ERG).
13106 **candea 1** *s.f.* Ver CENCENO /13107. (Grixó).
13107 **cenceno** *s.m.* Estames da flor do millo, tamén chamada *candea*, que se corta en verde para llo dar ó gando vacún. (ERG).
13108 **escoto** *s.m.* Parte do pé de millo, por riba da espiga, que se utiliza como forraxe. (Com1, Gro5, Marín).
13109 **pabilo** *s.m.* Ver PABÓN /13110. (Feás-A).
13110 **pabón** *s.m.* Parte superior do pé de millo, sobre a espiga, que se usa como forraxe. ERG e LG escríbeno con uve. (Com1, ERG, Gui., LG).
13111 **pendón** *s.m.* Ver CENCENO /13107. (ERG, Gro5).
13112 **pico 2** *s.m.* Ver PABÓN /13110. (Suarna).
13113 **pubela** *s.f.* Ver PABÓN /13110. (ERG).
13114 **senseno** *s.m.* Ver CENCENO /13107. (ERG).
13115 **sobro** *s.m.* Ver CENCENO /13107. (Razo).

9.11. O pastoreo

En Galicia o pastoreo do gando vacún foi tradicionalmente un traballo que comprometía tódalas familias, por pequeno que fose o número de vacas que tivesen: o minifundio fixo necesario que por cada vaca ou grupo de vacas houbese unha persoa que termase de que non fosen pacer na propiedade do veciño ou mesmo que non fosen peteirar onde un non quería (coma tal nas hortalizas). A fragmentación da propiedade vese ben neste refrán: *Nun leiro estreito, se unha vaca se pon atravesada, ten que cagar fóra do eido* (Carb-L:202, VS [1631]). Hai un refrán de Sober que expresa o difícil que resulta lindar ben as vacas en Galicia, sen que se metan en propiedades alleas, sen que se metan en sitios intrincados, sen que caian por barrancos ou, simplemente, para tornárlle-los animais que os atacan: *Ao pastor que moito se gaba, o demo lle linda as vacas* (VLLM:1,130).

Esta actividade de garda-lo gando fana preferentemente as persoas da familia que non poden facer traballos que requiran grande esforzo físico (maiores ou nenos). Era moi característica da Galicia rural ata os anos 90 a imaxe dun vello ou unha vella alindando unha vaca polas beiras dun camiño ou polas beiravías, que moitas veces facía pensar que non era o vello quen ataba a vaca senón a vaca quen tiña atado o vello por horas e horas [1632].

Con todo iso, hai, ou polo menos houbo en moitos lugares, outro tipo de pastoreo comunitario que, coma no caso da veceira das ovellas (9.11.7.), consistía en que unha ou varias persoas recollían o gando todo da aldea cando acababan os traballos do maio e subían con el a un lugar montañoso que, por ser comunal, ofrecía unha gran extensión na que o pastoreo permitía unha maior liberdade ó pastor. Verémolo tamén en 15.2.6. falando dos sesteiros.

Aínda que esta actividade era máis frecuente realizala co gando ovino e caprino e, en parte, aínda pervive, o certo é que, como se ve, tamén se practicaba co gando bovino nalgunhas partes de Galicia. E onde se realizaba cos dous tipos de gando era frecuente que o gando ovino e caprino se tivese nun lugar máis próximo có gando bovino que se levaba a máis lonxe.

A actividade de *ir coas vacas* daba lugar a numerosas actividades lúdicas e creativas naquelas longas horas, dende facer culleres ou xoguetes, coma carros ou arados de pau coa navalla, ou fiar unha mazaroca de la ata crear melodías cunha frauta ou gaita; houbo persoas que aprenderon a ler e a escribir [1633] ou simplemente aproveitaban para ler canto o gando permitía. Para cubrirse das choivas, construían tamén *chozos* ou *pastorizas,* é dicir, casiñas feitas coas pedras que encontraban no monte. Na Serra do Suído

[1631] VS: *s'unha vaca*. Comenta Saco que *Algo dice a favor de la concentración parcelaria.*

[1632] Xavier Lama dío así: *Non sabes que elas pastorearon durante séculos aos homes / e ás mulleres da miña terra, e que eles, os pastoreados, non se / decataron nunca dese milagre inverso?* Pódese le-lo poema *Cuestións inocentes* en 16.2.

[1633] A nai de Ramón Piñeiro foi un deses casos. *[Eu] como non tiña pluma nin lápiz, escribía cun garabullo na tona lisa da terra, ou ben na cinza da lareira. Ao cabo inventei unha pluma que consistía nunha palla que mollaba en auga para escribir na mesa da cociña ou na pedra da lareira. E escribía, claro, con letra formada, ou sexa, coa letra tipográfica dos textos impresos que era a que eu conocía. Esta aprendizaxe era a escondidas do meu pai, pero contaba coa complacida admiración da miña nai, porque ela, que lía moi pouco e escribía con dificultade, tamén se exercitara en ler e escribir ela soa no monte cando ía gardar as ovellas. Sen dúbida vía na miña actitude, en certa maneira, unha reproducción da que ela mesma tivera* (RPL 1991:345).

vimos un destes chozos, que tiña un portelo en arco rústico e sen lintel, o que demostra dúas cousas: que era traballo de persoas que non tiñan á man ferramentas para moveren grandes pedras e que esta era unha actividade perenne, que se repetía tódolos anos. Tamén se dispoñía de muros que cerraban un curral onde se recollía o gando de noite, próximo á cabana dos pastores e gardado polos cans. Para leva-la conta do gando que levaban, os pastores anotaban o número de reses que lles entregaba cada veciño facendo outras tantas entallas cunha navalla a unha táboa, coñecida como *tarxa* ou *talla*.

Non podemos tampouco esquecer que ese momento de soedade, ou mellor, de intimidade co cosmos, foi tamén para moitos rapaces o lugar de encontro co misterio e cos misterios da vida. Uns encontraban encantos ou mouras que lles ofrecían unha inmensa riqueza a cambio dunha pequena acción como levarlles manteiga ou queixo e garda-lo segredo; outros encontraban a presenza de santa María (ou nalgún caso san Antón) dando orixe a un culto ligado a aquel lugar: así naceron O Cristal, Chamorro, A Pastoriza, A Franqueira entre outros lugares de culto e, xa fóra de Galicia, Fátima ou Lourdes. Case todos tiñan aí a súa primeira lección de erotismo ou de vida sexual. Todo isto fainos ver que o momento e o lugar do pastoreo, co pastor só e inerme nas mans dunha natureza que é a única que fala, constitúe un dos lugares ou momentos máis máxicos da sociedade galega tradicional. Numerosos escritores expresaron esta situación, como pode lerse nos versos de Xavier Lama (*Arte de apacentar*) e de Uxío Novoneyra (*Lembranzas da vida de pastor* ou *Germana de Romeor, pastora do Sumedo*), no relato de Xesús Rábade (*O da Marela*) (todos eles en 16.1.) ou nos poemas *Axexando* de Javier Prado Lameiro ou o *Parrafeo montañés* de F. Salgado (16.2.).

Unha devota pastora
Que anda no monte co gado,
tres veces lo reza al dia,
tres veces reza el Rosario.
Estando rezando el Rosario
bajó la Virgen María.
-¿Qué haces ahí, doncella,
tan sola y sin compañía?
-Estóu rezando el Rosario
a la Sagrada Familia.
-Rézalo tú, hijamía,
que bien pago te sería.
La agarrara por las manos
y al Cielo la subira. [1634]

No texto anterior, mestura de galego e castelán, predomina o castelán polo seu formato de romance; pero tamén porque na tradición oral galega as intervencións dos santos, dos mouros, dos donos dos tesouros fanse en castelán, atribuíndo mimeticamente á corte celestial os mesmos comportamentos lingüísticos que o gandeiro observa nas clases dirixentes da súa sociedade terreal.

9.11.1. O pastor

13116 **adueiro** *s.m.* Pegureiro, garda dunha adúa (rabaño de gando maior). (ERG).

13117 **alindador** *s.m.* Persoa que alinda o gando nos lindeiros das leiras ou nos cómaros. Son vellos, mulleres ou nenos normalmente. (ERG, Piquín).

13118 **boeiro 1** *s.m.* Ver BOIEIRO 1 /13119. Rivas Quintas (*Frampas II*, s.v. *boieiro*) recolle o seguinte: "En 1481, Celanova (Vida, I, 177) vemos: *... as searas do pan..., e que as labraban os boeyros do dito señor abade*". (VLLM).

13119 **boieiro 1** *s.m.* Pegureiro de bois. Pintos escribe *boyeiro*. (DRAG, ERG, JMP, Piquín).

13120 **brañeiro 2** *s.m.* Pastor. (Ancares2).

13121 **fioncego** *s.m.* Pastor ó que se lle pode confiar un rabaño porque demostrou que o sabe coidar ben. (Burón, Suarna).

13122 **gardador** *s.m.* Persoa que, despois de bota-lo maio, queda a xornal no monte co gando da aldea ata setembro. (Ctel3).

13123 **maioral** *s.m.* Pastor principal dun rabaño. (ERG).

13124 **paifoco** *s.m.* Aldeán coidador do gando. Este valor primitivo aínda se encontra nun refrán. (VLLM).

13125 **pasteador** *s.m.* Ver PASTOR /13126. (ERG).

13126 **pastor** *s.m.* Persoa que leva o gando a pacer e que coida del mentres pace. (Com1, Dum., ERG, Goián, Gro1, Incio, Mra., Pantón, Ped1, Razo, Vala., Vil., Xun.).

13127 **pastorío** *s.m.* Oficio de pastor. Conxunto de pastores. (ERG).

13128 **pecureiro** *s.m.* Ver PEGUREIRO /13130. (ERG, MLP, TCha).

13129 **pegoreiro** *s.m.* Ver PEGUREIRO /13130. (FA, VGD).

[1634] LP3:81. Recóllea de Cecilia Fernández, de Carracedo, A Gudiña.

13130 **pegureiro** *s.m.* Pastor. ERG defíneo como pastor de ovellas, derivado de *pécora*: cabeza de gando lanar. X.R. Mariño Ferro explica que o pegureiro era contratado por tódolos veciños do pobo para coida-lo rabaño comunal. Cada un pagáballe un día de comida por cada sete cabezas de gando. Constantino García afirma que a palabra corrente para denomina-la "persoa que coida do gando e, sobre todo, das ovellas" é *pastor*, recollendo a continuación outras formas como *pecoreiro* (que toma de Cunqueiro, Cabanillas e outros), *pegoreiro* (de Castelao), *pegureiro* (que considera "a forma normal dalgúns falantes galegos e portugueses") e as variantes *pigoreiro*, *pigureiro* e *picoreiro* (CGG2: *O pecoreiro*, 602). Llópiz recolle tamén os diminutivos *peguriño* e *goriño* (*Co vranciño é bo calquer goriño, ca iauga e a neve cata quen cho leve*). Lémbrese, mesmo así, que *Goriño* é un dos hipocorísticos de Gregorio. (CGG2, CP, ERG, Suarna, VLLM, XER, XRMF1).

13131 **pigoreiro** *s.m. Ú. t. c. adx.* Ver PEGUREIRO /13130. (CSM, VLLM).

13132 **pigureiro** *s.m. Ú. t. c. adx.* Ver PEGUREIRO /13130. Xaquín Lorenzo utilízao para designa-lo pastor que vai co rabaño comunal. (Burón, Lemos2, LimiaB, Made., MLP, Pantón, XLF4).

13133 **prigueiro** *s.m.* Ver PEGUREIRO /13130. En Ibias (Asturias) aplícano ó pastor comunal de cabras. (VGR).

13134 **rabadán** *s.m.* Pastor. *Juan anda de rabadán*. (VGR).

13135 **tanguedor** *s.m.* Pegureiro, persoa que tangue ou guía o fato de gando. (Parade.).

13136 **vaqueiro 1** *s.m.* Pastor de gando vacún. (Ancares2, ERG).

13137 **rapaz das vacas** *s.comp.m.* Pastor. O traballo de alinda-las vacas adoita reservarse ós rapaces ou ós vellos. (ROP2).

13138 **mantedora** *adx.* [Muller] que coida o gando. (Piquín).

13139 **mandar 2** *v.* Relevar do seu posto [á persoa que está gardando o gando]. (Piquín).

A vella conta unha hestoria e o vaqueiro unha vitoria. (VLLM:1,132) [1635]
¡Amo, meu amo! un boi perdín e outro non o acho. (VLLM:1,127) [1636]
Ao pastor que moito se gaba, o demo lle linda as vacas. (VLLM:1,130) [1637]
Ao que veña do maroto e ó que veña do xaldo para a braña do vaqueiro, miña parte douna ó diaño. (VLLM:1,130) [1638]
As farfaliñas do zarrón polo serán boas son. (VLLM:2,81) [1639]
As perdas no fato non son pra o pastor que son pra o amo. (VLLM:2,95) [1640]
As túas vacas non debes emprestar, si as queres conservar. (EGE:58)
As vacas non as curei, as ovellas non as vin, a merendiña comín, o fardel tráioo aquí. (VLLM:2,82) [1641]
Asembra de pastores, perda pra os señores. (VLLM:2,96) [1642]
Cando cantan os pegureiros, rabean os amos. (VLLM:2,83) [1643]
Pastoriño contente, dono que arrabea. (VLLM:2,83) [1644]
Peguriño contento, amo carraxento. (VLLM:2,83)

[1635] Llópiz recólleo en Ernes (Navia de Suarna) e cita a fala dos Vaqueiros de Alzada, *gente jactanciosa y petulante*.

[1636] Llópiz: *non-o*; e di que corre no Val Miñor e en Ribadavia.

[1637] Llópiz recólleo en Sober (Lugo) de F. Carballo, e explica que expresa o difícil que resulta lindar ben as vacas en Galicia, polo tipo de pastos que lles hai que procurar, para que non se metan en minifundios e devesas, para que non caian por barrancos, para tornárlle-los animais que as atacan e para que fuxan dos sitios intrincados etc.

[1638] Llópiz di que está recollido en Ernes (Negueira de Muñiz, aínda que el o sitúa na veciña Navia de Suarna) e que corresponde á fala dos Vaqueiros de Alzada. Expresa a arrogancia con que estes miran a xente pescadora (*marotos*) e labradora (*xaldos*).

[1639] Llópiz explica que *farfaliñas* é a comida lixeira que fan os pastores e que *zarrón* é *coro de rabadanes venidos para comer*.

[1640] Llópiz recolle en Valouto (Lugo) este refrán que lembra o aforismo xurídico latino *Res perit domino* (*a res/cousa perde valor para o seu amo*).

[1641] Llópiz: *no-as*, *trougoo*; di que o recolle en Barcia de Suarna da fala dos Vaqueiros de Alzada. O refrán alude ó pegureiro descoidado que nada máis se preocupa da súa comida.

[1642] Llópiz explica que *asembra* é mesta ou asemblea de pastores que adoita rematar nunha comida á base das reses do rabaño. Remitimos ó lector ás explicacións que dá Iglesias Ovejero ó equivalente castelán *Reunión de pastores, oveja muerta*, contextualizado na gravación dun coloquio entre pastores salmantinos en agosto de 1973 (AIO). Este último refrán témolo aquí como *Xuntanza de lobos, ovella morta* (XLF2:70; ZM:253).

[1643] Llópiz: *rabéan* (sic); recólleo do folklore da Lózara (Courel).

[1644] Este refrán alude, como outros, ós pequenos roubos de crías que os pegureiros poden facer, en beneficio propio e detrimento da economía do amo.

Axudémonos do boi, que é alleo. (VS)
Cos bois doutro calquera ara. (VS) [1645]
Calquera é pastol con bo sol. (XMSH:14) [1646]
Cando arraia o soalleiro, quenqueira é pigoreiro; cando o inverno vén, xa non hai quen. (VLLM:2,85) [1647]
Co vranciño é bo calquer goriño, ca iauga e a neve cata quen cho leve. (VLLM:2,85) [1648]
Polo vran calquer pastor é barragán, polo inverno míralle o pelexo. (VLLM:2,85) [1649]
Cando chove e fai sol, alegre está o pastor. (ERG: chover; UCA:38.17; UCA2:27)
Cando chove e fai sol, ledo anda o pastor. (VLLM:2,84) [1650]
Cando co fato anda o dono, nin dá o teo nin vén o lobo. (VLLM:2,84) [1651]
Cando neva na serra, sexa pastor quen o desexa. (VLLM:1,137) [1652]
Cando neva, sexa pegureiro quen queira. (VLLM:1,137) [1653]
Cando neva, sexa vaqueiro quen queira. (VLLM:1,137) [1654]
Cando neve na serra, sexa pastor quen queira. (VLLM:1,137)
Cando neve, sexa vaqueiro quen o terme. (VLLM:1,137) [1655]
Cando o Pico Sagro pon capelo, meniñas do gando levade o mantelo. (VS)
Da conta que saca o pegureiro, o lobo/ monte sábelle o erro. (VLLM:2,86) [1656]
De vacas falan os vaqueiros e de vento os mariñeiros. (VLLM:2,87) [1657]
De ventos fala o mariñeiro, de vacas o pegureiro. (VLLM:2,87) [1658]
Deixa o pegureiro as vacas, mentras a molina non para. (VLLM:1,139) [1659]
Do mal lameiro ¡isca o gado, pegureiro! (VLLM:2,87) [1660]
Non é bo pegureiro o que non renova o lameiro. (VLLM:2,93) [1661]
Por mal pegureiro se teña o que non troca de herbeira. (VLLM:2,93) [1662]
En febreiro si a brétema pode co sol, ¡malia do pastor! (VLLM:2,87) [1663]
En marzo pódese ver quen vaqueiro sabe ser. (VS)
En xaneiro súbete ao outeiro: si ves o campo verdexar, ponte a chorar; e si terrexar, ponte a cantar. (AdC:6)
En xaneiro súbete ó outeiro: se ves verdegar, bótate a chorar; se ves negrexar, bótate a cantar. (XLF2:34)
En xaneiro vaite ó leiro: si o ves verdegar, ponte a chorar; si o ves mourear, ponte a cantar. (ANV1:90) [1664]
En xaneiro vaite ó outeiro: si ves verdegar, ponte a chorar; si ves terrexar, ponte a cantar. (ANV2:16; JASA2:366) [1665]

[1645] No texto: *d'outro.*
[1646] No texto: *Calquer*.
[1647] Llópiz: *ai*; recólleo de J.V. Alonso en Ribadeo.
[1648] Llópiz: *Có*, *bó*, *y-auga*; explica que *goriño* é diminutivo de pegureiro (se é certo será un dim. irregular); explica que calquera pastor resiste a fatiga pero no inverno é moi difícil encontrar pastor comprido. Recólleo de Filgueira en Ourense.
[1649] Llópiz recólleo de N. Arnoso en Ombre.
[1650] Llópiz explica que é porque reverdecen os prados e vai haber leite co que se fai o queixo.
[1651] Llópiz explica que teo e lobo son as dúas razóns que o pegureiro dá para explicar que regrese con menos gando do debido. O *teo* (cenurose) é enfermidade parasitaria propia das ovellas.
[1652] Llópiz recólleo de A. Seijas en Mondoñedo.
[1653] Llópiz: *quera* (sic); recólleo en Abadín (Mondoñedo).
[1654] Llópiz: *quera* (sic); recólleo da fala dos Vaqueiros de Alzada, Cecos e Taramundi.
[1655] Llópiz recólleo da fala dos Vaqueiros de Alzada.
[1656] Llópiz: *o lobo lle sabe*; explica que alude ás escabrosidades do chan galego que fai difícil a custodia do gando.
[1657] Llópiz recólleo en Barcia de Suarna da fala dos Vaqueiros de Alzada.
[1658] Llópiz recólleo no Páramo, onda Sarria.
[1659] Llópiz explica que *molina* está por *moliña*, chovisca que cae incesante e que tanto molesta ós pastores.
[1660] Llópiz recólleo de L. Carrodeguas.
[1661] Recólleo de Pardo de Lema (*Dichos pop. Balume*).
[1662] Recólleo de A. Carracedo en Monterde (Lugo).
[1663] Llópiz explica que a brétema produce o perigo de perderse o gando, de caer por barrancos ou de que o ataque o lobo. Segue dicindo que esta brétema ás ovellas prodúcelle-lo teo pero tal afirmación é falsa, xa que non consta que a humidade ambiental interveña na epidemioloxía da cenurose. Recólleo de M. González e de M. N. Rendar, no Incio.
[1664] No texto: *ô leiro, pont'a*.
[1665] No texto: *a outeiro, pont'a* (ANV2); *ô outeiro, pont'á* (JASA2).

En xaneiro visita o outeiro: se ves verdegar, ponte a chorar; se ves terrexar, ponte a cantar. (EAG:43; ZM:100) [1666]

En xaneiro visita o outeiro: si o ves verdegar, bótate a chorar; si o ves terrexar, ponte a cantar. (ZM:260) [1667]

No mes de febreiro súbete ao outeiro: si o ves negrexar, bótate a chorar. (ZM:149)

No mes de xaneiro sube ó outeiro, se ves verdegar bota a chorar, se ves negrear bota a cantar. (Carte.) [1668]

No mes de xaneiro súbete ao outeiro: se ves terrexar, ponte a cantar; e se ves verdexar, ponte a chorar. (UCA:38.13) [1669]

No mes de xaneiro súbete ao outeiro: si ves os teus campos verdexar, ponte a chorar; mais si terrexar, ponte a cantar. (ZM:149) [1670]

No mes de xaneiro súbete ó outeiro: se ves terrexar, bótate a cantar; e se ves verdegar,bótate a chorar. (Sandiás:111) [1671]

No xaneiro súbete ao outeiro: se ves terrexar, ponte a chorar; e se ves verdear, ponte a beilar. (UCA:38.13) [1672]

O dous de febreiro, súbete ó outeiro: se ves negrexar, ponte a cantar; se ves branquexar, bótate a chorar. (NevesC; ANV2:17; ZM:166, ZM:263) [1673]

Picoreiro, rúbete ó picouto, e si no mes de xaneiro os prados ves verdegar, bótate a chorar, e si os ves queimados, ponte a bailar. (JASA2:12) [1674]

Picoreiro, súbete ao picouto, e si no mes de xaneiro veres verdegar, ponte a chorar, mais si os ves queimados, ponte a bailar. (ZM:262)

Picoreiro, súbete ó picouto, e si no mes de xaneiro vires verdegar, bótate a chorar, e si os ves queimar, ponte a bailar. (ZM:199; ANV2:16) [1675]

Xaneiro, xeadeiro, sube ó outeiro, si veis verdegar ponte a chorar, si veis negrexar ponte a cantar. (Raiaseca:53)

Fonte de vaqueiros no inverno ten auga; no vran é cagalleiro. (VLLM:1,142) [1676]

Máis quero ser vaca que vaqueiro. (VLLM:1,143) [1677]

Nin con neve sexas vaqueiro nin de ruín sexas servidor. (VLLM:1,145) [1678]

Non quero papas nin ir ás vacas. (VS)

Non quero papas nin ir coas vacas. (FBB3:13)

Non todo o que leva pelica é pegureiro. (VLLM:2,90) [1679]

O fillo do pegureiro non se cría sin laieiro. (VLLM:2,90) [1680]

O pastor descoidado, á posta do sol busca o gando. (XMSH:75; ERG:pastor; VS)

O pastor descoidado mala conta ten do gando. (ERG:pastor; VS) [1681]

Ó pegureiro vello, fato pequeno. (VLLM:2,80) [1682]

1666 No texto: *janeiro, si, pont'a, terrejar, pont'a* (EAG); *verdugar* (ZM).

1667 No texto: *verdugar*.

1668 No texto: *sube o outeiro, bota chorar* (pero *bota a cantar*).

1669 No texto: *á cantar, á chorar*.

1670 No texto: *terrezar*.

1671 No texto: *súbet'Outeiro, vótate a cantar, vótat'a chorar*.

1672 No texto: *á cantar, á beilar*. Xa Carré sinala que é unha contradición do anterior.

1673 No texto: *si, pont'a* (ANV2); *ao, si* (ZM).

1674 No texto: *o picouto, n-o mes, á chorar* (pero, *a bailar*).

1675 No texto: *ao* (ZM); *veres, queimadas* (ANV2).

1676 Llópiz di que é da fala dos Vaqueiros de Alzada. Recólleo en Ernes (Negueira de Muñiz, aínda que el o sitúa na veciña Navia de Suarna).

1677 Llópiz di que é dunha copla alusiva ós Vaqueiros de Alzada, posta en boca dos seus contrincantes os *xaldos* ou labregos.

1678 Llópiz: *roín* por *ruín*; recólleo da fala dos Vaqueiros de Alzada.

1679 Llópiz recólleo de A. García Alén (Coruña 1909).

1680 Llópiz: *non críase sin layeiro* (sic); recólleo de A. Jaspe da Coruña, e explica que non se cría sen dolor.

1681 VS ofrece estes equivalentes: *El pastor descuidado, a vuelta del sol busca su ganado* (Z.), *El pastor descuidado, mala cuenta da del ganado* (R.Marín).

1682 Llópiz di que este refrán é complementario daqueloutro *Anos poucos pra ovellas moitas*, xa que os fatos grandes esixen xente nova que poida andar ben e correr moito.

Ó portelo do pastor chamou a fame e non entrou. (VLLM:2,81) [1683]
O que co vello queira acabar, que lle día vacas a gardar. (Carte.)
O que queira co vello acabar mándeo de inverno ó monte a gardar. (XMSM:195)
Onte vaqueiro e hoxe cabaleiro. (ERG:vaqueiro)
Peguriño novo linda mal o gado. (VLLM:2,96)
Xente nova non garda o gado. (VLLM:2,96) [1684]
Roibéns ó sol nado, picoreiro, andarás mollado. (XMSH:95) [1685]
Rubiás ó sol nado, pigoreiro andarás mollado. Rubiás ó sol posto, pigoreiro andarás enxoito (MVN, MVN2: 101; XTC4; ZM:218; EAG:51; PdM:18-019) [1686]
Sol e boa herba fan o bon gado que non pegureiro sonado. (VLLM:2,95) [1687]
Tantos días de sol en xaneiro, tantos en san Xoán ó comareiro. (SPP:218) [1688]
Vaqueiro e cocho invernizo, Dios non vos fixo. (VLLM:1,155) [1689]
Vaqueiro e porco invernizo, o demo vos fixo. (VLLM:1,155)
Vaqueiro pola neve e porco con frío, o demo que os leve. (VLLM:1,156) [1690]
Vaqueiro pola neve, que o demo o leve. (VLLM:1,155) [1691]
Vaqueiro tolo, ti pagas a herba i eu ma como. (VLLM:1,156) [1692]

Vexamos finalmente estes dous dialoxismos.

- ¿Quen ha de ir cas vacas?
- O vello.
- ¿E que ha levar cuberto?
- O saco.
- ¿E a merenda?
- Esa xa a comerá cando veña. (VS) [1693]

- ¿Quen ha de ir cas vacas?
- O vello.
- ¿E que ha levar cuberto?
- O saco.
- ¿E que come?
- O caldo que sobra. (VS) [1694]

1683 Llópiz: *chamou fame* que corriximos por coidarmos errata a ausencia do artigo; explica que o pastor, aínda que viva pobremente, nunca fame recoñece, porque sempre ten o recurso da carne e do leite do gando que coida. Recólleo de F. Arés, en Rábade.

1684 Llópiz: *gádo*. Recólleo de V. Risco (*Notas para un ref.*).

1685 Copiamos de Moreiras Santiso a seguinte explicación: *A verba galega 'roibén' ven do étimo latino 'rubentem', roxo, bermello, i era o común epíteto da linguaxe poética e do sermo vulgaris pra nomear a luzada primeira do día ou as postas luminosas do sol (Virxilio empregóuno nas Xeórxicas I, 250-251). O –i- de roibén é analóxico, polo contaxio de roiba, roibal, roibo. E o predominio do plural acrárase polo antigo oficio de axetivo*. Coa mesma intención prognóstica temos estoutros refráns: *Rubias á terra, mariñeiros á merda; Rubias ó mar, vellas a asollar; Rubias ó mar, vellas ó sollar; Rubias ó monte, ovellas á corte; Rubias ó nacente, auga de repente.*

1686 No texto: *ó sól nado* (pero, *ó sol pósto*), *pósto, enxóito* (MVN2); *Roibás ao sol, picoreiro* (ZM); *pegoreiro, enjoito* (EAG); *Rubiàs à sol nado, pigoreiriño andarás mollado*. *Rubiàs á sol posto, pigoreiro mañan andarás enxoito* (PdM); engade que pigoreiro é pastor de ovellas, de *pecus-oris*. Taboada dá dúas versións semellantes deste mesmo refrán: nun caso escribe *rubias ó nado* (sic), *ò sol posto*; e noutro *o sol nado*, *o sol posto*; esta última di que a recolle do *Diccionario* de Valladares *Rubiás ò sòl nado, pigoreiro, andarás mollado; rubiás ò sòl posto, pigoreiro, andarás enjoito*. O mesmo prognóstico recólleo Zamora Mosquera sen referencia explícita ó pastor: *Arreboles de sol posto é sinal de tempo enxoito, arreboles de sol levantado é sinal de tempo mollado* (ZM:41).

1687 Llópiz: *gàdo*; di que xa está en Bluteau.

1688 No texto: *Xaneiro, o comareiro*. Explica Portela Pazos que *es costumbre que los trabajadores, cuando llueve, se retiren al 'comareiro', donde se sientan al abrigo de un paraguas, capa de juncos, etc.*

1689 Llópiz di que alude, como o seguinte, ás impertinencias e baladronadas dos Vaqueiras de Alzada. Recólleos en Navia de Suarna de M. Vázquez Díaz.

1690 Llópiz: *pol-a*; explica que o refrán alude ó moito que renegan os Vaqueiros de Alzada polos perigos que pasan nunha xeografía tan difícil e polo moito que gruñen tamén os porcos con frío. Recólleo de Francisco Lanza (Ribadeo).

1691 Llópiz: *pol-a*; recólleo onda Taramundi, na serra de Aurno.

1692 Llópiz: *y-eu*, *m'a*; ese pronome e a súa colocación non son regulares en galego. Llópiz recólleo en Navia de Suarna de M. Vázquez Díaz e explica que é contestación dun *xaldo* (labrego) á un vaqueiro que está a botar por ela; xaldos e vaqueiros lévanse mal.

1693 VS: *¿Y a merenda?*

1694 Vázquez Saco engade estas palabras calificadoras: *Desprecio a la vejez*.

A Virxe mece o seu Neno
blanco, roibo e colorado
que ha de ser o pastor
que ha de gardar este gando. [1695]

¡Ai de min, que xa perdín
a gracia de cantadora!
¡Ai de min, que xa a perdín
sendo no monte pastora! [1696]

Amaro perdeu o gando,
a calquera lle acontece;
o gando xa vén pro eido
i Amaro non aparece. [1697]

Cando era pequeniña
e iba pro monte co gado,
comía a miña merenda
antes de chegar o prado. [1698]

Cando era pequeniño
'e iba con el ganado',
comía a merendiña
antes de chegar ó prado. [1699]

Cando era pequeniño
que xa andaba co gando,
comíame a merendiña
antes de chegar ó prado. [1700]

Ia pigureira
do Val de Piñeira,
tu vaite, tu vente, tu díllelo así,
que siete ladrones me tienen aquí
con siete cadenas al rodor de mi
i a vaca marela
tache na tixela,
i a vaca bragada
tache na salgada,
i a vaca piñeira
tache na toucieira,
tu vaite, tu vente, tu díllelo así,
que siete ladrones me tienen aquí. [1701]

Moza do peliño rubio
que tes conta do gando:
irás á noite á fiada,
bailaremos o fandango. [1702]

Mozas que leváde-lo gando,
levaime o meu becerriño,
que queda na corte berrando
pola nai, que é pequeniño. [1703]

Nena que léva-lo gando,
lévame a miña marela;
queda na corte berrando
por unha pouquiña de herba. [1704]

Nena que léva-lo gando,
lévame o meu becerriño;
queda na corte bruando
pola nai, que é pequeniño. [1705]

Os vaqueiros vanse, vanse,
as vaqueiras choran, choran,
¡Ai, probe de min, coitada!
¿Con quen vou dormir agora? [1706]

Pastor que estás con las vacas
tendidas por esas brañas
para que no te pique el sol,
sí, sí, pastor,
bájalas a mis cabañas.

[1695] Lama2:58.
[1696] MRV:50.
[1697] VD:277. No texto: *ven, i-Amaro*.
[1698] Niño.
[1699] Coto2:38. SCHU1/2/287 recolle unha copla case igual pero en castelán: *Cuando yo era pastora/ y andaba con el ganado/ comía la merendita/ antes de llegar al prado.*
[1700] DBP:3291. No texto: *x'andaba*.
[1701] SCHU1/2/306bisaA. Os colectores dannos en nota a rodapé a seguinte explicación: *Esta cántiga insértase nun conto no que se relata a historia duns ladróns que rouban e raptan a unha pastora; ela ten unha corna ou caramela que "fala" e que non poden entender senón algúns. A mensaxe do instrumento percíbese desde fóra da cova en que está encerrada. 'Bragada' de pelaxe branca entre as patas de atrás (cando a pelaxe do resto do corpo é máis escura); 'Salgada', salga; 'piñeira' adxectivo que, aplicado ós galos, se refire ós que tardan en bota-la pluma e cando a botan lles sae recachada; tamén se refire ós galos sen crista; aplicado a vacas ignoramos qué é; 'toucieira', 'touciñeira, despensa onde se garda a carne.* Con todo iso, pódese ver no capítulo *2. Exterior* que *piñeira* se usa en diferentes lugares de Galicia como "vaca cos cornos cara atrás, ou cara arriba ou grandes e abertos".
[1702] DBP:3901. No texto: *noit'á*.
[1703] DBP:3719.
[1704] DBP:3603. No texto: *lévam'a, d'herba.*
[1705] JASA:98 (Cant.515); DBP:2625. No texto: *leva-lo, levam'o, po-la nai, n-a, qu'é pequeniño* (JASA), *lévam'o, qu'é* (DBP).
[1706] Corme1:492.

Contesta el buen del pastor:
de tus cabañas no quiero,
tengo el ganado en el monte,
sí, sí, adiós,
tengo que ir a por ello
... [1707]

Rapariguiña do gando
¿que herba lle botas ó pelo?
-Bótolle unha herba do monte
que lle chaman trementelo. [1708]

Rapariguiña do gando
¿que herba lle dás ó pelo?
-Bótolle unha do monte
que lle chaman trementelo. [1709]

Rapaza que vas co gando,
lévame o meu, que é pouco;
unha vaca e dous becerros
vanche no medio do outro. [1710]

San Antonio garde o gando
e mais a quen anda con el,
para lle apañar a herba,
para lle dar de comer. [1711]

San Xoaniño, san Xoaniño
¡canto me tardas en vir!
son pastor e gardo ovellas
teño ganas de saír. [171]

O conto do Andresiño [1713]

Foran por baixo da vía, cas vacas, dous rapaciños pequenos e a un antoxóselle de vir pra casa, o máis pequeniño; o outro quedouse [1714] cas vacas.

O rapaz, en vez de collere pra carretera, cara eiquí, colleu cara onde a ponte do Cañizo, sentouse e durmíuse. O seu irmau veu prá casa.

-¿*E logo o Andresiño*?, dixéronlle.

-¿*Pous non veu*?

Marchou a xente a busca-lo rapaz e chamaron, chamaron:

-¡*Andresiño, Andresiño*!

Pero claro, o rapaz dormírase hasta cara a mañá. A xente non se deitou, e pola mañá escutaron ó rapaz:

-¡*Amanda, Amanda*!

- ¿*Onde estás, fillo, onde estás* [1715]?

Chegouse máis xente e dixéronlle:

-¿*E logo, non tuveche medo*?

-*Non señor* - contestóulle o rapaz-, *que estuvo un home comigo e viña un can como pra me mordere e o home facíalle así con unha caxotiña.*

-¿*E logo o home pra onde foi, meu fillo*?

-*O home, así que foi día e vostedes me chamaron, marchou*.

Éralle San Antonio.

[1707] SCHU1/2/307d. O cantar está todo el en castelán.

[1708] Tea:45. No texto: *ô pelo, bótalle* (que corriximos por entender que se trata da resposta da rapariga e, polo tanto, debe ir en primeira persoa); non utilizan signos de interrogación. *Trementelo* é variante de tomentelo (*Thymus vulgaris*, cast. *tomillo*), do que desconñecemos que teña ningunha propiedade relacionada co pelo; probablemente estea aquí só por esixencias da rima.

[1709] VLQ2:364. No texto: *das o pelo*.

[1710] DBP:3790. No texto: *lévam'o, qu'é*.

[1711] DBP:3791. No texto: *ll'apañar*.

[1712] VLLM:1,94. No texto: *soy*. Recóllea en Valvoraz, Ourense. Llópiz explica que o recolle de Alonso Garrote (*Dialecto Popular leonés*) e que alude a que por san Xoán, despois de axusta-las contas do fato, os pastores quedan libres. Non habendo hoxe no nomenclátor de Galicia ningún *Valvoraz* supoñemos que se refire a un Balboraz ou Valborraz que menta Santiago Alonso Garrote no seu libro *El Dialecto vulgar leonés hablado en Maragatería y tierra de Astorga* (P. López, Astorga 1909).

[1713] Mez1:120.

[1714] No texto: *quedóuse*. Tamén no resto do texto: *sentóuse, chegóuse, marchóu*.

[1715] No texto: *ónde*.

9.11.2. Pacer

Lémbrense as voces e locucións que xa vimos no capítulo de *Fisioloxía* (epígrafe 4.1.4. *Gando farto*) e que designan as vacas que pacen con apetito e que regresan fartucas á corte.

13140 **alamaradela** *s.f.* Acto de satisfacer algo a fame os animais pacendo nun lugar con bo pasto ou herba. *vaille dar unha alamaradela ésas vacas*. Rivas Quintas engade que é un diminutivo do que non consta que se use o simple (*alamarada*) pero coidamos que o sufixo *-dela* funciona tamén como sufixo de acción, acción superficial, se se quere, pero non precisamente un diminutivo. En Caritel dise: *Dálle unha chamadela a teus pais*, que quere dicir "chámaos por teléfono e fala con eles". (Xun2).

13141 **apacentamento** *s.m.* Acción e efecto de apastar. (ERG).

13142 **apastamento** *s.m.* Acción e efecto de apastar. (ERG).

13143 **pastaxe 1** *s.m.* Acción de pasta-los animais. (ERG).

13144 **pasto 3** *s.m.* Acción de pastar. (ERG).

13145 **lanfrán** *adx.* [Animal] comedor. (Gale.).

13146 **lanfrañón** *adx.* [Animal ou res] ávida de pacer aquí e alí. (Piquín).

13147 **alamarar** *v.* Calma-la fame [xeralmente do gando]. *Xa se alamarou un nadiña o jado*. Informalmente aplícase á xente. (Xun2).

13148 **alamprear** *v.* Consumi-lo pasto [o gando] rapidamente. (Piquín).

13149 **apastar 1** *v.* Ver PASTAR 1 /13157. (ERG).

13150 **arraiar** *v.* Comer [o gado] polo monte con moita ansia. (LP2).

13151 **atrollar** *v.* Ver TROLLAR 2 /13163. (Xun2).

13152 **campear** *v.* Saír a pastar [os animais domésticos]. (ERG).

13153 **debouzar** *v.* Pacer. *Debouzaban que daban gusto as vacas no monte*. (Piquín).

13154 **desebeirar** *v.* Pacer [o gando] nos sebeiros. (Neiro).

13155 **pacer** *v.* Comer [as vacas] a herba no campo. *E o rapás tiraba pola corda da Vermella, que enteneaba en pacer fora da estrema* (GB2:11). (Ancares2, Cab., Ced., Cod., Com1, ERG, Feás-A, GB2, Oirós, Per., Ram., SComba, Vala., XVP1).

13156 **pascer** *v.* Ver PACER /13155. (ERG, Parade.).

13157 **pastar 1** *v.* Pacer [o gando]. (Ancares2, Com1, ERG, Goián, Gro1, JMP, XER).

13158 **pastear 1** *v.* Ver PASTAR 1 /13157. (ERG, Xun2).

13159 **pastiar** *v.* Ver PASTAR 1 /13157. (Ancares2).

13160 **pobear** *v.* Ver PACER /13155. Por extensión, aproveitarse dalguén. (Xun2).

13161 **restrebar 3** *v.* Pacer [o gando], no agosto, as restrebas ou pallas de cereais que quedaron despois da sega nas terras que estiveron sementadas. (LG, Vala.).

13162 **sestar** *v.* Descansar [o gando] no pasto, momento que aproveitan para remoe-lo alimento. *Nos sesteiros sestan as vacas. déitanse cando lles peta* (Ctel1).

13162b **sestier** *v.* Ver SESTAR /13162. (Ancares2).

13163 **trollar 2** *v.* Comichar [o cereal] cando aínda está en herba, para retrasa-lo medrío e que dea máis gran e menos palla. Lim1 e VMedo definen como pacer nun campo de trigo, cando está demasiado alto segundo a sazón. (Lim1, VMedo, Xun2).

13164 **trousar** *v.* Pacer [o gando] no campo ou no monte. En Ibias (Asturias) recóllese *trousa* para denomina-lo curral onde se recolle o gando que pasta no monte. O informante non especifica se se refire ó gando lanar ou tamén ó gando vacún. (ERG).

13164b **andar á corda 2** *loc. v.* Pace-las vacas, controladas por unha persoa que as ten presas pola corda (Barro, CLam3).

13164b **andar a facenda arraiada** *loc. v.* Pacer [os animais] no monte con fruición, separados uns dos outros, sen outra preocupación que comer, é dicir, tranquilos. (Viana5).

13165 **andar no pasto** *loc. v.* Andar pacendo [o gando]. (ERG).

13166 **marcear prado** *loc. v.* Pacer nun prado en marzo, cando mellor está de herba. (VLLM).

13167 **a bulir** *loc. adv.* [Pacer] con ansia [unha vaca]. *As vacas largáranse monte adiante, cada unha pola súa banda. Foise o Alberte en percura dilas.* [...] *Pro a terceira non se vía por ningunha parte.* [...] *Alí estaba a condanada, moito ó seu gusto, pacendo a bulir*. (GB2:162).

Alí onde naces, paces. (XTC4)
Non é con quen naces senón con quen paces. (ERG:nacer; ZM:150)
Nun se é de unde se nace, sinón de unde se pace. (XBG:482)
O boi non onde nace, senón onde pace. (XTC4) [1716]

[1716] XTC4: *sinon*.

O boi, onde nace, pace. (TCha:94)
O boi, onde pace; e o home, onde nace. (ERG:boi) (VS) [1717]
O home, onde nace; e o boi, onde pace. (UCA2:49; MVN:68; MVN2:99; XMSH:21; ERG:home; EAG:22; Carte.; XTC4; ZM:168; VS) [1718]
Onde paces e non onde naces. (ERG:pacer)
Boi forte e vezado, tira a herba do prado. (VLLM:1,134) [1719]
Boi forte e vezado tira/saca a meica do prado. (VLLM:1,134) [1720]
Con quen paces e non con quen naces. (ERG:pacer)
Millor que onde naces, onde paces. (ERG:nacer)
Non con quen naces senón con quen paces. (ERG:nacer; ZM:150; XMSH:179; SPP:218; UCA2:47) [1721]
Durme, Xan, que o boi paz. (VLLM:1,141) [1722]
Máis arroído fai unha ran no raeiro do que cen bois nun lameiro. (VLLM:2,1023) [1723]
Onde atan a vaca, alí pasta. (VLLM:1,148) [1724]
Onde xatiños nacen, as vacas pacen. (VLLM:1,148) [1725]
Onde xatos nacen, vaquiñas pacen. (VLLM:1,148) [1726]
Se queres ter bo prado, mal pacido e ben gadañado. (Carb-L:215) [1727]
Vaquiña que apasta por marzo, cata ao boi por maio. (VLLM:1,156) [1728]

Ña madriña, si me morro
non me enterren en sagrado,
entérrenme en campo verde
onde a pacer vai o gado;
¡hanme de matar amores
que é un mal desesperado! [1729]

Se souberan as mulleres
que cousa é a malvela,
habíana pacer todas
como o gado pace a herba. [1730]

[1717] ERG: *i o home*. VS: *donde… onde, i-o*.

[1718] No texto: *hòme* (MVN). VS: *donde...donde*. XMSH explica que *a calidá ven do nacemento ou da comida*. VS ofrece esta equivalencia: *El hombre, donde nace; y la mujer, donde va* (R. Marín).

[1719] Llópiz: *bezado*; explica que o refrán alude ó moito consumo de pasto.

[1720] Notable o arcaísmo *meica*, que unicamente testemuña Llópiz, quen o explica como *Herba médica*. No latín rural está documentado o cambio *medica* por *melica* e isto explicaría a palabra castelá *mielga* que designa a alfalfa (*Medicago sativa*). Llópiz explica que a *meica* é unha herba leguminosa de raíz longa e recia que estima moito o gando, o que cadra efectivamente coa *mielga* castelá pero non coa definición que ERG dá da voz galega *melca* (*planta anual graminácea* que nos parece se-lo sorgo) e que en principio parecería que tiña algo que ver con *mielga*. Gonzalo Correas comenta o refrán *El buey viejo arrabea a la mielga* dicindo: *el amor del deleite y placer acostumbrado, aún en la vejez dura; mielga es sabrosa a los bueyes*. E a alfalfa éo abofé.
En Font Quer, citando a Andrés Laguna, podemos ler: *La hierba médica se llamó ansí por haber venido primeramente, a Italia, de la región de la Meda. Fue siempre destinada esta planta a la pastura de toda suerte de bestias... Llamáronle los árabes 'alfasasat', de donde pienso que vino a llamarse en algunas partes 'alfalfa'* (FQ:368).

[1721] No texto: *con que naces* (sic) (XMSH); *senon* (UCA2).

[1722] Llópiz di que é expresión que se emprega contra alguén que recea executar algunha obra.

[1723] Llópiz: *arroido, n-un*; recólleo de L. Pintos (*Refranes relativos a animales caseros*).

[1724] Llópiz: *alín*; explica que realmente este refrán se aplica máis á cabra, porque a vaca pide lameiros amplos.

[1725] Llópiz recólleo no Páramo (Sarria).

[1726] Llópiz recólleo no Páramo (Sarria).

[1727] Carb-L:215: *bon*.

[1728] Llópiz explica que a herba tenra faina revivecer e anticípalle o celo. Recólleo de F. Monroy.

[1729] JPBIII:292.10. No texto: *m'enterren, á, hánme, qu'é*.

[1730] LimiaB:147; VLQ2:369. No texto: *couse* (sic), *erba* (LimiaB); *Si souperan, e-a* (VLQ2). Engade Xaquín Lorenzo: *Dín que a malvela, cocida en auga, ten certas virtudes curativas; é un bo remedio nalgunhas molestias do embarazo.*
A *malvela*, herba do reste, herba redonda (*Glechoma hederacea*, cast.: *hiedra terrestre*), utilízase na medicina popular como diurética e, sobre todo, anticatarral, aplicación que non explicaría estas cantigas. Font Quer recolle, entre outras, a propiedade de provocar e regula-la menstruación así como a falsa crenza -non por falsa menos estendida- de provoca-lo aborto: *Plinio le atribuía incluso virtudes abortivas, leyenda tan fuertemente arraigada en el espíritu popular que, aun actualmente, el nombre de artemisa es sinónimo de aborto, y por nada del mundo osarían muchas mujeres pedir al farmacéutico una planta que ha llegado a considerarse como símbolo de un atentado criminal* (FQ:816). Está claro que as cantigas se refiren a estas especiais propiedades que poden xustifica-lo intererese que se desprende para as mulleres. A mesma misteriosa virtude que se observa noutras cantigas respecto á artemisa (*Artemisia vulgaris*), e que podemos ver nesta copla: *Si las mujeres supieran/ la virtud de la artemisa/ siempre la llevarían/ prendida de la camisa*, que tamén corre entre nós co mesmo sentido: *Se as mulleres soubesen/ a virtude da artemisa/ traguiana sempre posta/ antre o coiro e a camisa* (VD:323). Algo parecido temos lido da ruda.

Se souperan as mulleres
que vertú ten a malvela,
habíana de pacer,
como o gando pace a herba. [1731]

Si a muller soupera
o boa que é a malvela,
pastaría nela
coma as vacas na herba. [1732]

Era non era foi á arada
cun boi de palla i autro de nada.
Veu da arada e non tiña que facer,
metéu os bois na cuadra,
botou as mulidas a pacer. [1733]

Un conto de mil mentiras:
na praia pastan os bois
e no prado as robalizas. [1734]

O mesmo conto recólleo Bouza Brey na Estrada [1735], do que copiamos só un fragmento:

É o conto das mil mentiras: polo mar andan as lebres e polo monte [1736] as anguías. *Era-e-non-era* andaba na arada con un burro de barro e outro de palla, tanta alegría lle pegou ca súa [1737] nai morta e o seu pai por nacer sacou o gando [1738] da aguillada e botou [1739] o xugo a pacer...

Están dous becerriños amarelos
pastando nun campo de ferro,
corren que os torce o demo. [1740]

Sete bois brancos
e sete marelos,
todos pacendo
nun prado de ferro. [1741]

O carrizo e o boi [1742]

Andaba un día o carrizo a brinquiños na percura de herbiñas e bichos por un campo en diante.

Un boi pacía de par do carrizo e, como o paxariño era tan pequecho, o boi non o vía e por pouco non lle pon un pé [1743] enriba e o esmaga. O carrizo botouse a un canto e pareceulle moi mal que o boi non o vise ou fixera menos del e deixándose levar pola carraxe -porque os paxariños tamén se encarraxan- plantouse voando no espiñazo do boi, doulle dous couces cos seus peíños e díxolle furioso:

- *Ei, ti! ¿Seica queres que te rebente?* [1744]

Coma en moitos outros casos, coñecemos unha versión que omite os detalles e case só cita a frase final, feito moi característico da evolución da tradición oral que desemboca na redución do conto á frase proverbial ou refrán final, e que se coñece co nome de implicitación. Neste caso é Lence Santar (ELS:87). quen a transmite.

Na rilleira de Cezuras din que o carrizo, nunha ocaseón, atopou ôn boi e díxolle: *E ti ¿quez, quez, quez que te revente?* [1745]

[1731] DBP:85. No texto: *com'o*.
[1732] Raiaseca:265. Recólleo en San Lourenzo, A Gudiña.
[1733] LP3:36-37. Copiamos só os primeiros versos do longo romance que recolleu Laureano Prieto na Gudiña, baixo o título "Era, non era".
[1734] ALC:285. No texto: *plaia*.
[1735] FBB3. Recolleuno de Dolores García, de máis de sesenta anos.
[1736] No texto: *pol-o mar, pol-o monte*.
[1737] No texto: *sua*.
[1738] No texto: *sacóu o gândo*. Parece faltar algo no texto, pero así vén no orixinal.
[1739] No texto: *botóu*.
[1740] Os ovos na tixela. APG:166, Gud5:40, Gud9:38. No texto: *n-un* (Gud9).
[1741] Os ovos na tixola. PM:919.
[1742] MB-EH:43.
[1743] No texto: *pe*.
[1744] No texto: *Seica queres que te revente?*.
[1745] No texto: *N-a, n'unha, atopóu, ¿quéz, quéz, quéz*. Cezuras / Cesuras, Os Remedios, Mondoñedo

Antón Fraguas [1746] recolle, sen darlle título, estoutra variante do conto:

> En primer lugar, una carriza en el nido, el carrizo muy cerca y una vaca. La vaca pasa por el muro donde está el carrizo metido en el nido, y pasa comiendo la hierba y soplando al mismo tiempo con fuerza, lo que hace sentir más miedo al pájaro que está en el nido. La vaca pasa la lengua una y otra vez y sopla fuerte al mismo tiempo que su compañero que presencia la escena canta con aire triste y voz muy lastimera, que aumenta la incertidumbre del acosado en el nido. La vaca terminó la comida y continúa su camino. Entonces sale el que estaba en el nido lleno de miedo y habla con su compañero:
>
> - *¿Marchou a vaca?* [1747]
> - *Marchou* [1748].
> - *Ah, bueno, porque* [1749] *xa se me iban enchendo a min os folgos, e xa veríamos.*

9.11.2.1. Pacer mal

13168 **aldrabona** *adx.* [Vaca] que non pace a eito, con orde, senón que depenica a herba aquí e acolá. (Xun2).
13169 **algareiro** *adx.* [Gando] que non acouga nun sitio e que adoita entrar nos cultivos alleos. (LG).
13170 **alghareador** *adx.* Ver ALGAREIRO / 13169. (Xun2).
13171 **argareiro** *adx.* Ver ALGAREIRO / 13169. (LG).
13172 **esvaroada** *adx.* [Vaca] que está parada sen pacer. (Piquín).
13173 **gandaina** *adx.* [Vaca] que anda dun lado para outro. (Acevo).
13174 **lugurmio** *adx.* Golecho, que nada lle chega. *Iste jado é un lujurmio, que non lle cheja o outono*. (Xun2).
13175 **lugurmo** *adx.* Ver LUGURMIO /13174. Dise dos animais e da xente. (Xun2).
13176 **pildrón** *adx.* [Animal] que pace aquí e alá, como despuntando só a herba. (LG, Xun2).
13177 **varoada** *adx.* Ver ESVAROADA /13172. (Piquín).
13178 **albouriar** *v.* Ver ALGARIAR /13179. (Cha., CP).
13179 **algariar** *v.* Andar [o gando] no prado dunha parte a outra sen parar a pacer. (CP, Piquín).
13180 **alghareal** *v.* Ver ALGARIAR /13179. *Iste animal non fai máis ca aljarear*. (Xun2).
13181 **alvelear** *v.* Ver ALGARIAR /13179. (Alva.).
13182 **apeldroar** *v.* Pacer despuntando a herba, tirando por ela. A vaca arrinca a herba e o cabalo tríscaa, córtaa. (Xun2).
13183 **auxiar** *v.* Ver ALGARIAR /13179. (Osoño2).
13184 **cancanear** *v.* Andar de aquí para alá. *Iste jado non fai senón cancanear*. (Xun2).
13185 **canear** *v.* Ver CANCANEAR /13184. (Poio).
13186 **canicar** *v.* Ver CANCANEAR /13184. (Redo1).
13187 **espicañar** *v.* Pacer mal [un animal]. (Piquín).
13188 **espinicar** *v.* Pacer mal [un animal]. (Piquín).
13189 **ganabiar** *v.* Andar [unha res] no pasto pacendo avidamente dun lado a outro. (Martín).
13190 **musar** *v.* Non aproveita-lo pasto [as vacas]. Aplicado á xente, perde-lo tempo. (Xun2).
13191 **outonear** *v.* Andar [o gando] no campo dun lado para outro, sen parar a pacer. (Martín, PUlla).
13192 **ouxiar** *v.* Ver ALGARIAR /13179. (Osoño2).
13193 **rabuchar** *v.* Despuntar [o gando] herba ou arbustos. (Goián).
13194 **restroballar 3** *v.* Comicha-la herba no pasto [unha vaca] deixando máis do que come. (LG).
13195 **rodelear** *v.* Andar a dar voltas sen rumbo fixo. Dise do gando cando busca o pasto ou abrigo. (Parade.).
13196 **vedariar** *v.* Ver ALGARIAR /13179. Aníbal Otero lematiza indistintamente *bedariar* e *vedariar*. (Piquín).
13197 **vederiar** *v.* Ver ALGARIAR /13179. Aníbal Otero lematiza indistintamente *bederiar* e *vederiar*. (Piquín).
13198 **andar tocando a choca 1** *loc. v.* Andar [unha vaca] dun lado para outro por non ter qué pacer. Deu lugar a expresión figurada. (Ctel1).
13199 **¡*ahora cuchífralle!** *fórm.* Fórmula irónica para compadecer a quen busca unha res que lle fuxiu. "*Cuchifrar*: andar sin hacer nada. Enredar en una cosa. Hablar con una moza. *Ahora cuchífralle*, se dice irónicamente al que busca una res que huyó". (Piquín).

[1746] AFF:94-95.
[1747] No texto: *marchóu*.
[1748] No texto: *marchóu*.
[1749] No texto: *purque* (sic).

9.11.3. Bota-las vacas a pacer

No reparto rural do traballo hai algúns que se encomendan ós nenos e ós vellos que non poden facer traballos pesados. Un deles é ir bota-la auga ós campos (labor indispensable para comparti-los recursos hídricos entre os veciños) e o outro é o de *bota-las vacas a pacer*, tamén chamado *ir coas vacas*. É un traballo que non cansa nin require forza física. Simplemente require paciencia para te-las vacas pola corda e ter tino de que non vaian pacer ás terras dun veciño. De que isto é este traballo de nenos xa escribiu o P. Sarmiento, como veremos en 11.8. (FMS4:6862) pero tamén outros escritores recentes: entre eles Isaac Alonso Estravís (IAE:357-358) ou Afonso Eiré que se poden ler no capítulo 16.1.

Hai tamén unha maneira de botalas sen ter que estar todo o tempo con elas. Vímolo recentemente en Barbudo (Ponte Caldelas). Como era estrada de pouco tráfico, as vacas ían ceibas igual que as ovellas pero levaban enleadas nos cornos cadansúa corda longa en forma de oito. Esta maneira de levalas díxono-la neta do Montero (así se nos identificou) que lle chamaban *leva-la vaca coa corda de roda dos cornos*. O obxectivo de tanta corda (sete metros polo menos) era para deixala a pacer nun leiro soa. Cando chegan á veiga ou prado, espetan no chan un espicho de ferro duns 80 cm que na cabeza ten unha cruz que serve de tope e a ese espicho átase a corda xa desenleada da vaca: con isto a vaca dispón dunha superficie circular de case sete metros de radio (uns 154 m^2) para pacer e así está presa sen que teña a sensación de estalo e tamén sen que ninguén teña que estar alindándoa todo o tempo que pace; pasado ese tempo, vanse buscar.

Sarmiento [1750] ten esta digresión verbo da ortografía e etimoloxía das palabras *embraiar*, *embrañar* e *envranar*:

> *Da Braña. Debo al acaso el poder proponer como muy verisímil la etimología de la voz braña. Pasando yo por el lugar Puente de Domingo Florez, que está en la raya de El Bierzo y de Galicia, oí allí el verbo embrayar o envrayar (pues el oído no le pudo distinguir); supe que ese verbo significa allí llevar el ganado al pasto de verano. Al punto se me ofreció que embrayar venía de enveranar, y emberanar, embranar, embrañar, y que de todo se había formado la voz braña, para significar el sitio del pasto de verano. [...] La voz verano, que se formó de ver, eris, la primavera, no significa en castellano hoy sino el estío, o como si dijésemos fingiendo la segunda vera. El tránsito de vera a bra se palpa en el nombre del santo San Breiximo. Es nombre comunísimo en Galicia. Cerca de Pontevedra está la feligresía de San Breiximo de Barro; y con éste titular hay muchísimas más. El santo en latín es San Verissimo, véase aquí el Veri pasar a Brei. Los franceses conservan la V, v. g.: de verisimilis: vraisemblable. Paréceme que en cuanto a la analogía de las letras se prueba que embrayar, envrayar o enveranar es lo mismo que embrañar, y que de ahí se formó braña sin violencia alguna. En cuanto al significado de braña en Galicia y en Asturias y al significado de breña en castellano, he notado que por ignorar el origen de las voces, se confunden los significados. Muchos creen que lo mismo es breña que braña en cuanto a significado y a nombre; no hay inconveniente en creerlo así. Pero yo soy descontentadizo y procuraré probar que braña y breña se diferencian en nombre y en significado. Breña es de raíz gótica, y braña de raíz latina. La voz braña significa pasto de verano, y breña significa bosque inculto y cerrado, más para caza que para pasto. [...] Al caso. Imagínese una montaña o serie de montes en cuyas quebradas, y caídas, nazcan algunas fuentecillas que rieguen naturalmente algunos pedacitos de tierra, y que a causa de la humedad nazca allí por la primavera hierba como en un prado, y que allí puedan pastar bueyes. Digo que las dichas praderías de verano son las verdaderas brañas, no los peñascos ni los riscos. Como en Asturias son tan altos los montes y están tan encadenados, hay en Asturias muchas brañas, y aun muchos lugares con esos nombres. [...] En Galicia se usa también la voz braña no en cuanto significa pasto en quebradas de montes, sino en cuanto significa pasto de bueyes, aunque sea en tierra buena y casi llana; y en especial cuando el terreno es húmedo por razón de alguna fuente. En Pontevedra se llama la Braña a uno de los más amenos sitios. Y en general las praderías se llaman en Galicia brañas. Hay algunos sitios que llaman Rañadoiro y Reñadoiro, creo que se perdió la B de brañadoiro.*

Hai outro texto de Sarmiento que describe o traballo de alinda-las vacas con certo detalle (FMS4):

> (6862) *Si dentro de una Caseria cerrada ay diferentes frutos, como sucede en Galicia; el arbitrio que alli se tiene, para aprovechar la Hierba que nace enlos Lìmites, que dividen frutos, y que llaman Cómaros, y Comarèyros; es Segarla para el Ganado. Y quando por ser pequeña, no se puede segar; usan de un Donoso artificio. Atan a los Cuernos de un [sic] Baca, ô Buey, mansisimos, una Soga. Llevan la Baca al Comareyro para que le vaya pastando; pero un Niño, o Niña, tiene la punta dela Soga, y va caminando hacia atras. Esto, para retraer à la Baca que no eche la Lengua a los Frutos, con terminos, de Maiz V.g. y Mijo menudo. Si es Niña, poco*

[1750] FMS5 485r - 489r; pp 408-410.

mas, ô menos de 10 años, se presenta con la rueca en la cinta, y con la misma mano tiene la punta de la Soga, ô la tiene ceñida, y esta hilando todo el tiempo. La donosura esta, en que si la Baca se quiere desmandar, y no la puede sujetar la Niña; llora; y yo lo vi; y al punto vuelve la Baca al Pasto permitido, por su natural Sujecion à la Inocencia Humana; y sin necesitàr del verbo: Niña llora; y vencerás.

Que este é traballo de nenos exprésano ben diversos relatos: *O da Marela* de Xesús Rábade ou *O arado vai fendendo a terra* de Isaac Alonso Estravís: os dous pódense ler en 16.1.

13200 **pacedura** *s.f.* Acción de leva-lo gando a pacer. (ERG).

13201 **pastoreo** *s.m.* Acción de pastorea-lo gando. (ERG).

13202 **bota da facenda** *s.comp.f.* Acción de bota-lo gando a pacer. *Alí foi onde aquel día memorabre se axuntaron os rapaces, e coiles tamén os homes de Pernafría, todos ben dispostos a aproveitarse da ocasión de ter na aldea unha pelota de verdá, anseosos de demostrar o seu antusiasmo e a sua destreza deportiva nas tres ou catro horas que mediaban dende o xantar â bota da facenda*. (GB1:185).

13203 **alindar** *v.* Levar [o gando] pola corda a pacer, coidando que paza sen saír das lindes do prado ou pasteiro. *Os domingos non se traballaba, unicamente se alindaba o gando. Era a única cousa que faciamos* (Galdo2). (Burón, Cab., Ced., ERG, ERGa, Galdo2, Piquín, Suarna, TCha, TCha3, Vala.).

13204 **alindeirar** *v.* Ver ALINDAR /13203. (Nogais).

13205 **aluidar** *v.* Apacentar [o gando]. ¿Será erro por *alindar*? (MLP:429).

13206 **apacentar** *v.* Ver APASTAR 2 / 13209. (ERG, JMP, LG).

13207 **apascentar** *v.* Ver APASTAR 2 /13209. (ERG).

13208 **apascoar** *v.* Ver APASTAR 2 /13209. (CP).

13209 **apastar 2** *v.* Levar [o gando] a pacer. *Eran tres as vacas que o Alberte, Albertiño, levaba tras de si, apastándoas pola leira adiante* (GB2:11). (GB2, JMP, Laxe, Razo, Redo).

13210 **avalar 2** *v.* Botar [a res] a comer despois de sestear. (LP2).

13211 **botar 1** *v.* Sacar [o gando] de onde está encerrado e levalo a pacer. As nosas fontes recollen diferentes formas como *botar*, *botar a pacer*, *botar o gado*, *botar o gando* e *botar as vacas*. *Eran o 'Cachazas' i o 'Estorniño', que sabendo que estaba alí o zapateiro viñan a enredar un pouco namentras non se botaba o gando* (GB2:112). *Non bote-l-o gando, que chòve mòito* (MVN:276). *Mingas, dempois de xantar, botou o gado da corte e vai cara á chousa, afalando a cinco vacas de leite, catro xatos e dous bois de traballo, que dá xenio velos* (JRL2:40). *Cada un tiña as súas leiras marcadas con raias, e botábanas* [as moscas] *a pacer por ilas tendo conta de que non pasasen da estrema, pois ó pasaren xa eran propiedade do dono da finca lindeirante* (GB2:100). *Inda centilaba o luceiro, cando Maruxa botara as vacas, pra traguelas a tempo* (GB2:120). *Botando as vacas a pascer sendo a herba longa e estando mollada e facendo frio, poden 'empapuzar' ou deter-se-lle a comida no papo* (Parade:224). *Non botes a vaca que vai moito frío e pode darlle un aire ó cocho* (Antas4). Rivas Quintas dinos que "En Fondo de Vila dicen las personas mayores: *Ai neno, ímonos co gado que xa bruia o bruión*. Y por la mañana: *Írguete, que hai que botar; xa non bruia o bruión*". E explica que o *bruión* é "rana toro que emite un sonido parecido al del toro que muge, que bruia, al entrar la noche". Non sabemos de ningunha especie de ra que emita un sonido destas características e, en calquera caso, por *rana toro* enténdese unha especie americana, de gran tamaño, inexistente en Galicia. Aínda que pode ser unha forma máis ou menos figurada de denomina-lo croar dun anfibio -sexa ra ou sapo-, moi frecuentes por outra banda na Limia e no resto do país, inclinámonos máis ben a crer que o tal *bruión* sexa o abetouro (*Botaurus stellaris*), unha ave acuática outrora común en zonas húmidas, de hábitos nocturnos e crepusculares, e cun canto que realmente imita ó bruído dun boi, ata tal punto que popularmente se lle coñece tamén como *boi*. Martín Sarmiento recolle con este significado a voz *broullón*. (Antas4, CP, Cre., ERG, GB2, Grixó, Incio, JRL2, MVN, Parade., Sob., Xun2).

13212 **ceibar 2** *v.* Quitar [o gando] da corte e levalo ó monte a pastar, ou tirarlle a corda para que paza libre onde queira. [...] *viron as vacas soias e sentiros* [sic] *desexos de facer algo coilas. Uns propoñían botalas a labrar de seu, a ver onde paraban; outros, ceibalas a pacer pra que aporveitaran o tempo* (GB2:67). Sober2 escribe *ir a ceibar*. (Común).

13213 **coidar** *v.* Gardar, vixiar [o gando] mentres pasta. (ERG).

13214 **cuider** *v.* Ver COIDAR /13213. (Ancares2).

13215 **curiar** *v.* Ver COIDAR /13213. (ERG).

13216 **embraiar** *v.* Ver EMBRAÑAR /13217. Aníbal Otero escribe *emvrayar* e defíneo así: "Hablando del ganado, conservarlo hasta el verano y

mantenerlo en esta estación: *Queres embrayar as cabras*". Xa vimos como Martín Sarmiento o relaciona con *enveranar* (pastar no verán) e con *braña* (prado con auga abundante). (ERG, PDFl., Piquín).

13217 **embrañar** *v.* Levar [o gando] ós pastos de verán ou brañas. VGR recolle *enveranear* no Bierzo. Sarmiento relaciona etimoloxicamente esta palabra con *enveranar* e faino con estas palabras: "A San Verísimo llaman los gallegos San Vrísimo perdida la E, y con las otras analogías gallegas se pronuncia y escribe San Breixome. Así, de *enveranar*, perdida la E, *embrañar* y a imitación de que se dice de *veterano*, *vedraño* y *vedrayo*, se formó de *embrañar*, *embrayar*" (FMS1:492). (ERG).

13218 **lindar** *v.* Ver ALINDAR /13203. *Deus che dé vacas e fillos pra lindalas* (VLLM). *O que máis lles amola* [ós rapaces] *é lindar o gando no inverno e ver cómo pasan os días da choiva, facendo de pallocos debaixo dos carballos* (XVP1:32). (Ced., Com1, ERQ2, Goián, Laxe, Porto, Sob., TCha, VLLM, XVP1).

13219 **mirar** *v.* Coidar [a facenda] mentres anda a pacer. Bolo2 recolle a forma "Mirar para a facenda". *Chegóu coila e arrecadóuna coas outras. Díxolle ó Pepiño que mirase por ilas e, entrándose polas veigas foise a unha nabeira que tiña bos nabos* (GB2:162). (Bolo2, GB2).

13220 **pascoar** *v.* Ver PASTAR 2 /13221. (CP).

13221 **pastar 2** *v.* Levar [o gando] a pacer. *Porque había que ir traballar á terra, e despois as vacas había que ir a pastalas porque senon despois non pacían no monte, que escapaban, coa calor* (Vboi.). (Com1, ERG, Goián, Gro1, Vboi., XER).

13222 **pastear 2** *v. Ú. c. t. e prnl.* Ver PASTAR 2 /13221. *Anda, neno, e pastea ben o jado*. (ERG, Xun2).

13223 **pastorear** *v.* Levar [o gando] a pacer e coidalo mentres pace. (Com1, CP, ERG).

13224 **pasturar** *v.* Ver PASTOREAR /13223. (CP, ERG).

13225 **sacar 2** *v.* Ver BOTAR 1 /13211. *Saca-lo gando*. (ERG).

13226 **vaqueirer** *v.* Ver PASTOREAR /13223. (Ancares2).

13227 ***guardar** *v.* Pastorear [o gando]. (Ancares2).

13228 **andar coas vacas 1** *loc. v.* Leva-las vacas a pacer. *Lourenzo xa lles tiña avisado que cando andan dous coas vacas, un vai por unha banda e outro pola outra, precurando levar o gando xunto* (GB2:227). *Cando se anda cunhas vacas, o tempo dá pra pensar canto se queira* (GB2:12). (GB2).

13229 **bota-lo gando, para que vaia andando** *loc. v.* Ceibar [o gando] para que, en por si, vaia indo para o lindeiro. (VLLM:1/654).

13230 **botar fóra 1** *loc. v.* Sacar [as vacas] fóra da corte e levalas a pacer ó campo. *As vacas rumiaban nas cortes o seco que lle diran, por non estar o tempo de botalas fóra*. (GB2:104).

13231 **ir coas vacas 1** *loc. v.* Leva-las vacas a pacer. ... *cando salíamos da escuèla pola tarde tiñamos qu'ir coas vacas p'ó monte, a gharda-las vacas ó monte* (Lourei2). *Il, cando ía coas vacas pró outo das Carballas, miraba ó redor e non as daba contadas* [as 'ilesias'] (GB2:69). *O Alberte xa non iba coas vacas. Iste traballo cargáraselle á Rosiña i ó Pepiño. Il, o Quiñolas, axudaba xa ós traballos dos maores* (GB2:221). (GB2, Lourei2).

13232 **ir ó lindeiro** *loc. v.* Leva-lo gando a pacer nos lindeiros. *Carne, ¡mau pocado!: muitos non a proban catro veces no ano; fora do leite da vaquiña, non teñen outro compango.[...] os nenos van ó lindeiro; as nenas ó mesmo tempo van fiando na roca, cerro ou viño do liño da colleita*. (PC:130).

13233 **levar por unha corda** *loc. v.* Guiar [as vacas] á maneira tradicional. *Antes había que levalas [as vacas] por unha corda todas presas, así por un arredor, e dispois poñelas ó carro*. (Gome.).

13234 **meter a pacer** *loc. v.* Ver BOTAR 1 /13211. (CP).

13235 **á doután** *loc. adv.* [Leva-lo gando a pacer] sen necesidade de limitarse ós terreos propios porque os outros propietarios consenten que se paza nos deles. *No mes de marzo, este ano, deixan saca-lo gando á doután ata que comece a labra. Actualmente os poucos labregos que quedaron nas aldeas botan o gando 'á doután' polas veigas de todos, ou de case todos, sen que ninguén se opoña, pois a maioría dos terreos están abandonados*. (Cañiza3:175).

A porca de maio ou no principio ou no cabo, e han para-los bois quince días antes ou despois. (Carte.) [1751]

Antes de mediados de maio manda os bois ao prado, despois de mediados máis que a auga corra tralo carro. (EGE:19)

[1751] En maio ten que haber quince días de mal tempo, a esta quincena é ó que chaman *porca de maio*.

En maio quince días os bois ó prado, antes no principio ca no cabo. (Carb-L:195; VS) [1752]
No maio quince días os bois ó prado, antes no principio ca no cabo. (VS)
O abril que ha de ser abril, han de folgar os bois quince días nil. (FBB8)
Que bo maio, que mal maio, han de estar os bois quince días na corte sin saíren pró prado; e val máis no principio que no cabo. (VS) [1753]
Que bo maio, que mal maio, quince días os bois ó prado, antes no principio ca no cabo. (Vilam.) [1754]
Que bo maio, que mal maio, quince días os bois ó prado, e máis val no principio que no cabo. (ANV2:17; XFV:38; ZM:207, ZM 269) [1755]
Que bo maio, que mal maio, quince días os bois ó prado e máis vale no principio ca no fin. (NevesC)
Que bon maio, que mal maio, quince días os bois ó prado. (VS)
Que bon maio, que mal maio, quince días os bois no prado, e máis val no principio que no cabo. (VS) [1756]
A porta ábreme en marzo que eu catarei logo o prado. (VLLM:2,94) [1757]
Di o boi: "Sácame en marzo e verás como pazo". (UCA:36.14; UCA2:33; EAG:42; ZM:82; ERG:boi) [1758]
En marzo bótame ó monte, verás como pazo; en abril, ábreme a porta e déixame ir. (VS) [1759]
Marzo, por onde vou pazo –di o boi. (CLam3) [1760]
Sácame a marzo, verás como pazo. (ANV1:100) [1761]
Sácame a marzo, xa verás como pazo. (XTC4) [1762]
Sácame en marzo e verás como pazo. (VLLM:2,94; FBB8)
Sácame en marzo e xa verás como pazo. (NevesC) [1763]
A vaca na coitada, á mañá baldeira e á noite preñada. (RCl:141) [1764]
Ao sol posto, boi solto. (VLLM:1,130) [1765]
Acabada a labor, bois ó gandarón. (VLLM:1,142) [1766]
Laboura acabada, bois á branda. (VLLM:1,142) [1767]
Laboura feita, bois ó monte. (VLLM:1,142) [1768]
Labra feita, bois ó monte. (MVN:335; MVN2:94; UCA2:44; ERG:labra; VLLM:1,142; ZM:125; EAG:18; PdM:13; XLFG; VS) [1769]
Alindar polo baixo é alindar con traballo. (VLLM:2,79) [1770]

[1752] CarbL escribe *que no cabo.*

[1753] VS recolle este refrán con estas variantes: *bon maio*, *boo maio*, *boo mayo*; *han estar*; *sen saíren*.

[1754] Sexa bo ou malo o mes de maio, é conveniente bota-los bois ó prado.

[1755] No texto: *bon mayo, dial-os bois, mais val* (ANV); *bon, mais, non cabo* [sic] (XFV); *bon, ao prado* (p. 207) / *no prado* (p. 269), *no comenzo* (ZM).

[1756] No texto: *mayo*.

[1757] Refrán que se pon en boca do gando que pasou o inverno preso na corte por mor do mal tempo. Llópiz recólleo de E. Gaioso de Monterroso.

[1758] No texto: *boy, sacame, marzo e verás* (UCA); *Dí. cómo* (ZM); "*marzo, verás*" (ERG). Outros paremiólogos poñen esta frase en boca do porco. Así, Lence Santar: *Dix'o cocho: En marzo, bótame fora e verás como pazo; y-en abril, ábreme as portas e déixame ir* (ELS: 052). Ver ANV1:100 e MEZ:160.

[1759] Saco pono en boca do gando. No texto: *ô monte.*

[1760] No mes de marzo hai herba por todas partes; mesmo polos camiños; de xeito que o boi, por onde vai, se non llo privan, vai peteirando na herba.

[1761] *Fala o porco* (ANV1).

[1762] Taboada aplícao ó cocho.

[1763] Tal di o boi.

[1764] No texto: *valdeira*.

[1765] Llópiz recólleo de Francisco Lanza (Ribadeo 1950); explica que alude a que a tal hora cómpre ceiba-los bois despois dun día de traballo duro.

[1766] Llópiz explica que *gandarón* é monte con vexetación pobre ou devesa con monte sen moita costa.

[1767] Llópiz: *â*; explica que *branda* é en Vilaodriz e na Trabada un monte con espesura baixa.

[1768] Llópiz recólleo de M. Valladares na rev. *Galicia* de 1867, pero na colección de refráns que deste mesmo autor consultamos na revista *A Monteira* aparece como *Labra feita*...

[1769] UCA2, PdM, XLFG: *ao monte*. MVN2: *bóis*. ZM: *boi ao monte*. EAG e MVN: *ò monte*. Valladares recolle tamén a variante *Obra fèita, obrèiros â m...*

[1770] Llópiz explica que alude á maneira como hai que leva-lo gando a pacer entre as herdades, que resulta máis traballoso nas veigas e vales que nos montes. Recólleo de A. Mendaño, na Granxa onda Sarria.

Boi ceibe ben que se lambe. (VLLM:1,133) [1771]
Boi ceibe ben se lambe/ de seu se lambe. (VLLM:1,133) [1772]
Boi ceibe lámbese como quere. (VLLM:1,133) [1773]
Boi ceibo de seu se lambe. (Vala.; VS) [1774]
Boi que está solto anda ben lambido. (VLLM:1,133) [1775]
Boi solto ben se lambe. (RdC:284) [1776]
Boi solto de seu se delambe (VLLM:1,135)
Boi solto de seu se desata. (XLF2:23)
Boi solto de seu se lambe. (Lourei2; Grou; Salc2; Rib3; XTC4; Gud.) [1777]
Boi solto lámbese todo. (VLLM:1,133; ACC) [1778]
O boi ceibe ben se lambe/delambe. (VLLM:1,133; IBA) [1779]
O boi ceibo ben se lambe. (ERG:boi; DRAG; MC:92; VS) [1780]
O boi ceibo de seu se lambe. (VS)
O boi de seu se lambe. (Gud5:89)
O boi que anda solto ben se delambe. (VLLM:1,147)
O boi que está solto, anda ben lambido/delambido. (VLLM:1,147) [1781]
O boi solto ben se lambe. (ANV6:135; UCA2:49; Baiona3; RC:121; ZM:163; VS) [1782]
O boi solto, de seu se lambe. (ERG:boi; XTC4; UCA2:49; EAG:22; JASA2:389; JASA3:225; XERCG:422; VS) [1783]
Vaca ceiba de seu se delambe. (VS)
Boi de prado non quer molime segado. (VLLM:1,134)
Boi do prado rexeita o molime seitado. (VLLM:1,134) [1784]
Boi vezado ao prado non quer batume segado. (VLLM:1,134) [1785]
Boi vezado, carreira ó prado. (Carb-L:219; VS)
Boi vezado tira para o prado. (VLLM:1,133)
Boi vezado, volve ó prado. (MVN:583; MVN2:70; UCA2:26; ERG:boi; XLF2:23; VLLM:1,133; ZM:47; EAG:11; XTC4; VS) [1786]

[1771] Llópiz: *ceive*; recólleo de Pérez Placer. Ademais das numerosas variantes que recollimos, tamén existe en castelán (*El buey suelto bien se lame*) e en catalán (*Bou solt se llapa tot*). Unha particularidade común do gando vacún, mantido en condicións naturais, é a de lamberse con frecuencia eles mesmos e uns ós outros, fundamentalmente con fins de limpeza pero no que tamén inflúe a existencia de sal no pelo destes animais. Ás veces, este comportamento trae como consecuencia que acaben enchendo a panza de pelos que forman unha bóla compacta que tecnicamente se coñece co nome de tricobezoar.

[1772] Llópiz: *ceive*; recólleo de E. Carré, pero a forma que nós atopamos neste é diferente.

[1773] Llópiz: *ceive*; recólleo en Monterroso de M. Villarente e sinala que cadra co cat. *Bou solt se llapa como vol*.

[1774] Vala: *do seu.* VS: *lame.* Dise dos solteiros.

[1775] Llópiz cita a A. J. Pereira.

[1776] Rosalía de Castro no seu "Conto Gallego" (RdC2: 284-294) di:
-¡Lourenzo!, debías casarte, que ó fin o tempo vai andando, os anos corren, e un probe dun home faise vello e cóbrese de pelos brancos antes de que poida ter manta na cama, e aforrar pra unha ocasión; e esto, Lourenzo, non se fai sin muller que teña man da casa e garde o diñeiro que un gana.
-Boi solto, ben se lambe.
-¡Ó vento!, ésas sonche faladurías. Ó derradeiro, ¿pra qué os homes naceron si non é pra axuntarse cas mulleres, fillo da túa nai?
Na E. Espasa coméntase que *este refrán denota lo apreciable y grato que es ser libre*.

[1777] Dise da persoa que non depende de ninguén.

[1778] Llópiz: *ceive*; cita a R. Bluteau. ACC: *lambe-se*, e explica: *A liberdade de movementos e de acción é sempre maior naqueles que non están atados a unha persoa, ou a unha profesión, compromisos ou suxeitos a horarios.*

[1779] Llópiz: *ceive*; recólleo de López Ferreiro *A tecedeira de Bonaval*, pero realmente nesa obra di *Boi solto, de seu se delambe* (ed. Xerais p. 95). Esta imprecisión é típica das citas de Llópiz; curiosamente, ademais, o refrán tal como aparece na obra de López Ferreiro teno Llópiz co n. 137 e non cita alí a este autor. IBA só dá a forma *lambe*. Tamén existe en Asturias: *El boi ceibe ben se lambe* (XBG:481).

[1780] Denota que nada hai máis apreciable cá liberdade.

[1781] Llópiz recólleo de *Cousas d'aldea* de Aureliano J. Pereira.

[1782] No texto: *lame* (Baiona); *solo, lame* (VS). Non nos parece segura esta anotación de VS. Cabanillas recolle este refrán formando parte da seguinte cantiga: *Gustar, gústasme ás moreas/ pero tocante a casarme/ miña nai sabe un refrán:/ 'O boi solto ben se lambe'.*

[1783] Taboada Chivite dinos que algúns engaden: *millor se lame un ó outro*; no texto: *lame*.

[1784] Llópiz recólleo de E. Beceiro en Cariño; explica que *molime* é *broza fresca de monte segada con fouciña*. Notable o arcaísmo *seitado*.

[1785] Llópiz: *bezado*; explica que *batume* é a herba cortada para lla dar en verde ó gando. Recólleo na Misión Biolóxica de Gudín (Pontareas).

[1786] No texto: *vòlve ò prado* (MVN); *bói* (MVN2); *ao prado* (UCA2 e ZM); *ò prado* (EAG); *volve ó prado*, nun caso, e *volv'o prado*, noutro (XTC4). Llópiz recólleo tamén de M. Valladares coa forma *bezado*, aínda que este escribe *vezado* (MVN2).

De vello, vacas gardar, pouco durar. (XMSH:139; Carb-L:217; VS)
O que co vello queira acabar, que lle día vacas a gardar. (Carte.)
O que queira co vello acabar mándeo de inverno ó monte a gardar. (XMSM:195)
En abril, abre a porta e déixame saír; quítame en marzo e verás como pazo. (NevesC)
En abril, abre a porta ó gado e déixao ir. (UCA2:35; XLF2:33; EAG:42; DRAG) [1787]
En abril, abre a porta ó gado e déixao saír. (VS) [1788]
En abril, ábrelle a porta ó gando e déixao ir. (ERG:abril; NevesC; ZM:93, ZM:266) [1789]
No abril, abre a porta ao gado e déixao ir. (UCA:36.15; UCA2:47) [1790]
No abril, ábrelle a porta ao gando e déixao ir. (ZM:148)
O boi dixo: "en abril ábreme a porta e déixame ir". (Sob3) [1791]
En marzo, faga bo, faga malo, os bois ao prado. (VLLM:1,141) [1792]
En marzo, malo ou bo, o boi á herba e á sombra o can. (VS)
En marzo, testo ou cativeiro, saca os bois ao lameiro. (VLLM:1,141) [1793]
En marzu ben ou mau os bois pal prau. (VLLM:1,141) [1794]
Néboas rubias ó nacente, leva os bois ó lameiro e vente. (XTC4) [1795]
No mes de maio, bois e vacas no prado. (VS)
No mes de maio non leves o boi ó prado. (VS)
Ó mal prado non leves o gado. (VLLM:2,87)
O que está cabe da vaca, dúas veces a mama. (VLLM:1,148) [1796]
O que linda a vaca, cando quer a mama. (VLLM:1,148) [1797]
O que ten man da vaca, mama sempre que queira. (VLLM:1,148) [1798]
Pra o prado que está prá fouciña lisca dereito a vaquiña. (VLLM:1,151) [1799]
Quen gardou ganado na serra, no poboado é perdido. (VLLM:2,94) [1800]
Quen prás herbas nasce, no monte as pace. (Grou) [1801]
Saca o teu gando ó sol e veralo con bon fol. (VS)
Se non queres xoncer, bota os bois a pacer. (VS) [1802]
Si queres ao boi gallardo, lévao ao lameiro entre febreiro e maio. (VLLM:1,153) [1803]
Si queres ao boi gallardo, líndao de febreiro a maio. (VLLM:1,153) [1804]
Si queres xato matoco, déixao folgar e que coma moito. (VLLM:1,153) [1805]
Si queres xato pra o coitelo, déixao folgar no lameiro. (VLLM:1,153) [1806]

1787 No texto: *ao, deixao* (UCA2); *abr'a, ò gado, deixao* (EAG).

1788 VS recólleo coas variantes *abr'a porta* (ms), *salir* (ms4); *as portas* (ms16), e ofrece as seguintes equivalencias portuguesas: *Em abril, abre a porta à vaca e deixa-a ir* e *Em abril guarda o gado, e vai onde tens de ir*.

1789 ZM: *galo* (sic) nas dúas ocasións, que consideramos erro polos paralelos e porque o mesmo autor dá a variante *No abril ábrelle a porta ao gando e déixao ir*.

1790 No texto: *deixao* (UCA, UCA2).

1791 No texto: *deixame*.

1792 Llópiz: *bó*; recólleo en Barcelas (Navia de Suarna).

1793 Llópiz: *tésto*; explica que neste mes os prados énchense dunha herba tenra que é de cobiza para os animais que levan meses na corte; recólleo en Sandiás (Ourense).

1794 Llópiz recolle esta var. en Taramundi da fala dos Vaqueiros de Alzada.

1795 No texto: *névoas, o lameiro*.

1796 Llópiz: *estai* (erro de hipercorrección frecuente en Llópiz), *duas*. Recólleo de A. de Topete (As Somozas, onda Ferrol), e explica que se usa en senso irónico falando da política.

1797 Llópiz recólleo de A. Núñez en Mendoia (Trives).

1798 Llópiz: *quera* (sic); recólleo en Sarria de J.M. Agromayor.

1799 Llópiz: *Prao prado qu'está prá...*; explica que se di así do prado en todo o seu verdor e no punto para meterlle a fouce. Nesas condicións o gando ten moita gana de ir pacer a el.

1800 Llópiz di que o recolle de Gil Vicente.

1801 No texto: *pr'as*.

1802 VS: *bot'os bois*.

1803 Llópiz recólleo de M. Bernárdez en Ancorada (Pontevedra).

1804 Llópiz recólleo de A. Carracedo en Monterde (Lugo).

1805 Llópiz explica que *xato matoco* é a res vacúa nova destinada ó matadoiro; recolleuna no Matadoiro do Porriño, e engade que cadra co cast. *Si quieres hacer buey cotral, dale de comer y déjale holgar*.

1806 Llópiz: *pra-o*; explica que *xato pra o coitelo* é en Lugo o mesmo que o *xato matoco* no Porriño, o becerro de engorde para mandar ós matadoiros (*de Castilla* di aquí). Recólleo do Instituto Pecuario de Lugo (*Zootecnia*).

A Virxe de Biduído
anda no monte co gado
e San Martiño de Laraño
andáballo arrecadando. [1807]

Alá arriba na Currugada - por baixo
da pentella
están comendo xuncas - unha vaca e
unha ovella
ai run run duérmete mi nene
ai run run que te quiero yo
ai qué neno tan bonito
ai qué neno tan gallardeiro
ai qué neno tan bonito
para nacer nun palleiro. [1808]

As dalá de riba,
cando van co gando,
espetan a vara
e bailan o tango.
E bailan o tango,
e mais a muiñeira,
as dalá darriba
non hai quen as queira. [1809]

As de alá de arriba
cando van co gando
espetan a vara
e bailan o tango,
e bailan o tango
e a muiñeira,
as de alá de arriba
non hai quen as queira. [1810]

As de alá de arriba
cando van co gando
levan unha vara
pa baila-lo tango
pa baila-lo tango
e maila muiñeira
as de alá de arriba
non hai quen as queira.
As de alá de abaixo
ceibalas ceibalas
porque van ó baile
coas pernas lavadas
coas pernas lavadas
coas pernas lavadas
as de alá de abaixo
ceibalas ceibalas.
As de alá de arriba
prendelas prendelas
porque van ó baile
coas pernas moi negras
coas pernas moi negras
coas pernas moi negras
as de alá de arriba
prendelas prendelas. [1811]

As de alá de arriba
e as de alá abaixo,
ás de alá de arriba
véselle o refaixo.
As de alá de arriba
cando van co gando
espetan a vara
e bailan o tango.
E bailan o tango
e maila muiñeira,
ás mozas de alá
non hai quen as queira. [1812]

As de alá de riba
cando van co gado
levan a aguillada
pra beilla-lo tango,
pra beilla-lo tango
e maila muiñeira;
as de alá de riba
non hai quen as queira. [1813]

As de alá de riba
correlas correlas
que as de alá de baixo
xa se corren elas
as de alá de riba
cando van co ghando
apousan a vara
e bailan o tanco
e bailan o tanco
e a muiñeira
as de alá de riba
cando van á feira. [1814]

[1807] RCI:18. No texto: *Viduído.* É parroquia de Ames; mentres que San Martiño de Laraño é parroquia de Santiago.
[1808] SCHU2/2/33.
[1809] Corme1:466.
[1810] Coto2:34.
[1811] SCHU1/2/302c. No texto: *dalá, d'arriba, d'abaixo*.
[1812] Lama2:209.
[1813] LimiaB:47. No texto: *beillalo, quenas queira*.
[1814] SCHU1/2/302a. No texto: *dalá*.

As de aló de riba
cando van co gando,
espetan a vara
e bailan o tango
e bailan o tango
e maila muiñeira.
As de aló de riba
non hai quen as queira. [1815]

As mozas de Brates,
cando van co gando
espetan a vara
e bailan o tango.
E bailan o tango
e maila muiñeira.
ás mozas de Brates,
non hai quen as queira. [1816]

As mozas de Brates,
cando van co gando,
espetan a vara
no medio do prado,
no medio do prado,
no medio da braña.
As mozas de Brates,
non valen pra nada. [1817]

As mozas de Rao,
cando van co gado
espetan a vara
no medio do prado,
no medio do prado,
no medio da veiga.
Ás mozas de Rao
non hai quen as queira. [1818]

As nenas de aghora
cando van co ghando
espetan a vara
e bailan o tangho,
e bailan o tangho
e maila muiñeira.
Ás nenas de aghora
non ten quen as queira. [1819]

As rapariguiñas
cando van co gando
espichan a vara
e beilan o tango.
E beilan o tango
e maila muiñeira.
Ás mozas de agora
non hai quen as queira. [1820]

As rapazas desta aldea
cando van pastar o gando,
van recoller as mazáns
dos mazanceiros do amo. [1821]

Boa vida é casado
pero millor é solteiro,
que o boi solto no potreiro
come millor que amarrado. [1822]

Cando botáre-lo gado
atráncalle un rangalleiro
que o almallo é danío
e pódese ir ao lameiro. [1823]

Cando botáre-lo gado
bótame o meu becerriño
que che hei dar unha mazá
que teño nun arcaciño. [1824]

Eu teño un canciño,
meu irmán ten dous,
o máis pequeniño
xa lle garda os bois. [1825]

Eu teño un canciño,
miña nai ten catro
e o máis pequeniño
xa lle garda o gado. [1826]

[1815] MRV:50.
[1816] MRV:103. Supoñemos que a cantiga se refire a San Pedro de Brates en Boimorto.
[1817] MRV:50. Repítea na px. 103.
[1818] TCha:64. Santa María de Rao, no concello de Navia de Suarna.
[1819] Trazo. No texto: *d'aghora.*
[1820] Tea:44. No texto: *mail-a, Âs mozas, afora* (sic).
[1821] JPBII:26.11. No texto: *d'esta, d'os, d'o amo*.
[1822] VS. No texto: *qu'o boi, qu'amarrado*. VS(13025) dáo como refrán pero tamén ten aire de cantiga.
[1823] LimiaB:55. No texto: *botarelo gado.*
[1824] LimiaB:55. No texto: *botarelo gado.*
[1825] Lama2:210.
[1826] MRV:51. Forma parte dunha serie de sete cuartetas nas que a *nai* vai tendo sucesivamente tres, catro, cinco, canciños, ata nove. A que copiamos é a única que fai referencia ó noso campo semántico.

Indo eu polo meu gando,
ó pasar polo regueiro,
chameille a un vello sogro
e saleume verdadeiro. [1827]

Manolo co gando
andando e andando,
por veigas alleas
cagando candeas. [1828]

Mariana vai no lume,
Tarnilao vai coa vaca,
Cachafello vai na leña,
Xarome vai a xarapa. [1829]

Maruxiña, Maruxiña,
busco herba pró meu gando;
se ti ma dás, Maruxiña,
vou por ela ó teu prado. [1830]

Meniña que vas co gado,
lévame tamén o meu:
unha vaca e dous touriños,
¡oh, que lindo gado é! [1831]

Millor que a vida de solteiro
non che é a de casado;
o boi solto no potreiro
come millor que amarrado. [1832]

Miña naíña de Dios
mandoume leva-lo ghando,
miña nai levaio vós. [1833]

Miña maíña de Dios,
miña maíña de Dios,
mandoume levar o gando,
miña mai, lévao vós. [1834]

Miña sogra morreu onte,
enterreina nun valado,
deixeille a cabeza de fóra
pra que me gardase o gado. [1835]

Moza que levas as vacas,
lévame o meu becerriño,
queda na corte berrando
pola nai que é pequeniño. [1836]

Nena que léva-lo gando,
lévame o meu becerriño;
queda na corte bruando
pola nai, que é pequeniño. [1837]

Nenas que ides co ganado
levai a miña marela
queda na corte berrando
por unha gavela de herba. [1838]

Nenas que ides co ganado
levaime a miña marela
queda na corte berrando
por unha gavela de herba. [1839]

Neniña que vas co gando,
cóidame o meu becerriño;
queda na corte berrando
pola nai, que é pequeniño. [1840]

Neniña que vas co gando,
lévame a miña marela,
que está berrando na corte,
por unha gavela de herba. [1841]

Non me mandes traballar
que me amarga como o fel
mándame levar o gando
ó monte con Manuel. [1842]

1827 MRV:96.
1828 Lama2:210.
1829 Coto2:63.
1830 MRV:49. Repítea na px. 50.
1831 LimiaB:96.
1832 Carb-L:67.
1833 SCHU6/2/1390. No texto: *vos*.
1834 TCha:76. No texto: *vos*.
1835 TCha:45. No texto: *balado, fora*.
1836 Coto2:71.
1837 JASA:98 (Cant.515); DBP:2625. No texto: *leva-lo, levam'o, po-la nai, n-a, qu'é pequeniño* (JASA), *lévam'o, qu'é* (DBP).
1838 SCHU1/2/294a. No texto: *qu'ides, d'herba.*
1839 SCHU1/2/294b. No texto: *qu'ides, levaim'a, d'herba*.
1840 MRV:50.
1841 MRV:49. No texto: *gabela*.
1842 VD:306; DBP:3087. No texto: *ô monte*. (VD); *m'amarga, com'a* (DBP).

O cura de Caritel
dixo misa e foi co gando
trouxo un feixe de carrasco,
fixo un bolo e mailo caldo. [1843]

O meniño está no berce
¿quen lle ha de dar a tetiña?
Seu pai na veiga cos bois
e súa nai vai na fariña. [1844]

O meniño está no berce
¿quen lle ha de dar as papas?:
si túa nai vaiche na vila
e teu pai foise coas vacas. [1845.]

O río da Feira Nova
pasa por baixo da ponte;
as mozas de Paradela
deixan o gado no monte. [1846]

Ora vai e vénte logo
ó monte a levar o gando;
ora vai e vénte logo
e non digas que te mando. [1847]

Orelliña
vai á leña
aquel monte
de Torozos
onde hai cabras
i hai ovellas,
bois e vacas
por entre elas
i unha ave mui sutil
comendo no perexil
a fuxir a fuxir a fuxir. [1848]

Os dalá darriba
cando van co gando,
espichan a vara
e beilan o tango,
e beilan o tango
e a muiñeira,
ós dalá darriba
non hai quen os queira. [1849]

Os de alá de arriba
cando van co ghando
espetan a vara
e bailan o tango
e bailan o tango
e maila muiñeira
os de alá de riba
non hai quen os queira. [1850]

Os de aló arriba cando van co gado
espetan a vara e bailan o tango,
e bailan o tango e maila muiñeira,
i os de aló arriba non hai quen chos
queira. [1851]

Os de aló de riba
cando van co gando
espetan a vara,
bailan un fandango,
bailan un fandango
e a muiñeira
e con todo eso
non hai quen os queira. [1852]

Pedriño, Pedro, meu ben,
se léva-la vaca ó monte
cérralle o portelo ben
ai la la ai la la la ... [1853]

¿Pra onde vas, Marica?
Vouche pra o lindeiro a alindar a
ovella e mais o carneiro. [1854]

[1843] Lama2:186.
[1844] XAM:29, XAM2:198, VLQ2:367. No texto: *miniño* (XAM2); *co-os bois, sua nai vai fariña* (sic) (VLQ2).
[1845] VLQ2:368. No texto: *téu, co-as vacas*.
[1846] LimiaB:124. Xaquín Lorenzo engade que o río da Feira Nova é o río de Pacín. No índice toponímico amplía: *Pacín, Río de: Río que se forma ao se xuntaren os ríos Illa e Montaña, o pirmeiro procedente de Quinxo e o segundo de Leboreiro. O Pacín desauga no Limia despois dun curto percorrido*.
[1847] DBP:3619.
[1848] SCHU6/2/6. Recollida na Fonsagrada.
[1849] CAMB:110. No texto: *muíñeira, ó dalá darriba*.
[1850] SCHU1/2/302b. No texto: *d'arriba... de riba...* (sic).
[1851] Zolle:223. No texto: *d'aló, ban, mái-la, i-os, ai.*
[1852] LimiaB:212; recollida en Muros. No texto: *quen-os queira*.
[1853] SCHU1/2/297. No texto: *vac'ó monte, cérrall'o*.
[1854] Capela.:243. No texto: *e máis*.

Rapaza que vas coas vacas
lévame a miña marela
que ta berrando na corte
por unha gavela de herba. [1855]

San Antoniño garda o gando,
San Xoán garda as ovellas,
Santa Lucía ás costureiriñas
que andan polas casas alleas. [1856]

San Antoniño pequeno
anda no monte co ghando
a Virgen de Pastoriza
iándallo arrecadando. [1857]

San Antoniño pequeno
queda no monte co ghando
a San Antoniño ghrande
quédallo arrecadando. [1858]

San Antonio gharde o ghado
e San Ramón as ovellas
tamén gharde as costureiras
que andan por portas alleas. [1859]

Ten cuidado Maruxiña
cando vaias ó lindeiro
que non vaia vi-lo trasno
e collerche o ghado ceibo. [1860]

Téñoche as vacas no monte
e non podo ir por elas,
o río atravesoume o prado
e móllame tódalas pernas. [1861]

Unha vella moi ben vella,
máis vella que Zaragoza,
foi meter os bois ao prado:
de vella volveuse moza. [1862]

Unha vella muito vella
nun corral de Zaragoza
botáronlle os bois no prado
de vella volveuse moza. [1863]

Unha vella xa moi vella
no Pilar de Zaragoza
botáronlle os bois no prado
de vella volveuse moza. [1864]

Vaite a casa, meu meniño,
deixa a gaita no lagar,
que tes as cabras no monte
e as vacas por pastar. [1865]

Veño mollada e pitada
de andar co gando na serra.
¡Probes dos que a miña vida,
dos que a miña vida levan! [1866]

Voume por aquí abaixo
coma quen non quer a cousa,
vou dicir á miña nai
que andan as vacas na chousa. [1867]

Xoaniña, voa, voa,
que teu pai vai en Lisboa
e túa mai vai coas vacas,
cando veña, darache
unha taciña de papas. [1868]

As vacas ó monte,
unha xata branca as leva
e outra moura vai por elas. [1869]

[1855] SCHU1/2/295. No texto: *d'herba.*

[1856] Camb1:50, Castre:76. No texto: *San Xoan*. Temos un refrán moi semellante: *San Antonio garde o gando e san Xoán as ovellas, e mais as costureiriñas que andan polas casas alleas*, quitado da *Voz de Galicia*. Sendo santa Lucía avogosa da vista, esta versión é a máis completa.

[1857] SCHU1/2/284, SCHU4/2/817a.

[1858] SCHU1/2/285, SCHU4/2/817b. No texto: *arrecabando*.

[1859] SCHU1/2/286, SCHU4/2/887. No texto: *ghard'o, ghard'as, qu'andan*.

[1860] SCHU1/2/299. No texto: *collerch'o.*

[1861] VD:327. No texto: *todal-as*.

[1862] Capela.:220. No texto: *volvéuse*.

[1863] SCHU6/2/1326. No texto: *botáronll'os.*

[1864] SCHU6/2/1327d. No texto: *botáronll'os.*

[1865] DBP:704. No texto: *Vait'á*.

[1866] MLP3:198. A pastora que tal di insiste na molladura que leva: *pitada* significa *mollada como un pito*. No texto: *co-o gando*, *n-a serra*, *d'os*.

[1867] DBP:2630.

[1868] AGA:78. TCha:84. Refírese á xoaniña ou vaquiña beira (*Coccinella septempunctata*), nun deses versos que se lle di para que voe, cando a temos na man, para sabe-lo tempo que vai facer ou canto nos falta para casar. Bouza Brey recolleu numerosas variantes -aínda que non cita esta- non seus traballos sobre este insecto en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XI, 1948, e XXVI, 1953.

[1869] Os pans no forno e maila pa. PM:1028.

¿Que cousa, cousiña é,
que vai levar as vacas ó monte
e non as volve traguer? [1870]

Teño un amigo de catro patas
que vén comigo garda-las vacas. [1871]

Vai baleira pró monte
e vén cos bois prá casa. [1872]

Romance de Rufina [1873]

-Rufina hermosa, / ¿tu que fas aí? [1874]
-Estou gardando o gado, / ben me ves aquí [1875]
-Non che digo eso / nin tal como eso,
dígoche que veñas / a tomar o fresco.
-A tomar o fresco / nin fun nin irei [1876]
que dirá meo amo / en qué me ocupei [1877].
-Si che di teo amo / en qué te ocupache
dille que chovía / e que te abrigache.
-Hei contar verdá / que eu mentir non sei, [1878]
vou pra xunto ao gado / que o perderei.
-O gado, Rufina, / non che dé cuidado
que si tu o perderas / eu iría buscalo.
-¡Ai Jesús humano / que vés tan oufano [1879]
en mangas de seda / pra buscar o gado!
-Mangas e vestidos / teño de rompere,
hermosa Rufina, / por che dar pracere.
-Pracer non me dás / que aínda me dás pena, [1880]
logo vén meu amo / traerme a merenda. [1881]
-¡'Ajualá' viñera! / 'Ajualá' chegara!
¡'Ajualá' soupera / que contigo estaba!
quédate, Rufina, / quédate a buen hora,
vou botar o gado / daquel vale fóra [1882].
-¡O que tes de bravo / e de pretendiente! [1883]
homes non son lobos / que coman a xente.
-Eu se estou de bravo / faigo moito ben,
eu se estou de bravo / así me convén,
dígoche, Rufina, / a fe de quen son,
dígoche, Rufina, / que eu teu irmao son. [1884]
-¡Irmao da miña vida! / Irmao do meu
corazón! [1885]
de canto che dixen / pídoche perdón.
-Canto me pideche / estáche perdonado,
pon o pé no estribo, / monta de a cabalo.
[Di o amo]
¡Xentiña do pueblo! [1886] */ ¡Acudide ao gado!*
que se vai Rufina / co seu namorado,
que se vai Rufina / ¡Que vaia co diabro!
Ela vaise rindo [1887] */ e eu quedo chorando.*

Variantes:
A Rufina ihermosa tu qué fais eí
tou guardando o gado que ol [1888] *teño aquí*
deixa ir o gado e vente conmigo
sola en esa serra córreche peligro
ó Jesús humano case me deseas
queres que se perdan facendas alleas
non che digo eso nin tanto como eso
dígoche que veñas ia toma-lo fresco
a toma-lo fresco nin fun nin irei
que dirá meu amo en qué me ocupei [1889]

1870 A pa do forno. PM:1031.
1871 O can. PM:994. No texto: *ven*.
1872 O peite dos piollos. PM:1039. No texto: *valeira, ven*.
1873 Capela.:268.
1874 No texto: *tu que fas ahí.*
1875 No texto: *Estóu*.
1876 No texto: *iréi.*
1877 No texto: *que me ocupéi*.
1878 No texto: *Héi*, *séi*.
1879 No texto: *ves*.
1880 No texto: *das, ainda*.
1881 No texto: *ven*.
1882 No texto: *de aquel vale fora.*
1883 No texto: sen signos de exclamación; *tés*.
1884 No texto: *hirmao*.
1885 No texto: *Hirmao*.
1886 No texto: *de o*.
1887 No texto: *váise riindo*.
1888 Sic.
1889 No texto: *m'ocupei.*

si che di teu amo en qué te ocupache [1890]
dille que chovía e que te abrigache [1891]
eso eu non llo digo que eu mentir non sei [1892]
voume pra onde o gado que o perderei [1893]
o gado ai Rufina non che día coidado
que se tu ol [1894] *perdes eu che irei buscalo* [1895]
ó Jesús humano case ves ufano
con mangas de seda pra garda-lo gado
mangas y manguitas tengo de poner
Rofina ihermosa pra che dar placer
placer non me dás que aún me dás pena
lougo ha vir meu amo traguerme a merenda [1896]
ojalá viñera i ojalá chegara
i ojalá soupera que eu contigo estaba [1897]
dime ai Rofina de qué parte son
dime ai Rufina tu hermano son
hermano de mi vida de mi corazón
de cuanto che dixen pídoche perdón
eso que dixeches tache perdonado
pon o pé no estribo e marcha de acabalo. [1898]

Ai Rufina hermosa, ¿ti que fas aí? [1899]
Estou gardando o gado, ben mo vides aquí[1900]
Ai Rufina hermosa, ¿ti gardas o gado? [1901]
Xa Dios me criou pra este traballo [1902]
Ai Rufina hermosa, ¿queres vir conmigo?
Neses montes sola correche peligro
Ai Xesús divino, ¡quen tal me desea!
¡Querer que se perda a facenda allea!
Non che digo eso, nin tal como eso,
dígoche que veñas a tomar o fresco.
A tomar o fresco non vou, nin irei [1903]
vou gardar o gado, que o perderei [1904].
O gado, Rufina, non che dea cuidado:
que se ti o perdes, eu irei buscalo.
Ai, Xesús divino, ¿seica vés ufano?
¡Con mangas de seda gardar o meu gado!
Mangas e vestidos teño que romper
Rufiniña hermosa, por che dar placer.
Vaite daí, humano, non me deas pena,
Que ha de vir meu amo traerme a merenda.
E se vén teu amo, ¿en que te ocupaches?
veu un trobón de auga, e que te abrigaches [1905]
Sei contar verdá, eu mentir non sei,
vou gardar o gado, que o perderei [1906]
O que estás de bravo e de impertinente [1907]
homes non son lobos que coman á xente.
E se estou de bravo, fago moito ben,
que se estou de bravo, todo me convén.
¿Todo che convén? dígoche eu que non.
Linda, me has de ter no teu corazón [1908]
Vaite daí, magho, non me deas tormento, [1909]
non te podo ter no meu pensamento.
Xúroche, Rufina, a fe de quen son [1910]
que ti es miña irmá, i eu teu irmao son.
Se ti es meu irmao, i eu túa irmá son,
de canto che dixen, pídoche perdón.
Pídeme perdón, estáche perdonado.
Dáme a túa mao, ponte de acabalo. [1911]
Xente de fuga
garde o meu gado,
que aí vai a Rufina [1912]
co seu namorado. [1913]

1890 No texto: *t'ocupache.*
1891 No texto: *t'abrigache.*
1892 No texto: *qu'eu.*
1893 No texto: *pr'ònd'ò gado*.
1894 Sic.
1895 No texto: *ch'irei.*
1896 No texto: *traguerm'a.*
1897 No texto: *qu'eu.*
1898 No texto: *d'acabalo*. SCHU4/2/1d. Recollido en Llencias, A Fonsagrada.
1899 No texto: *, ti que fás ahí?*. En ningún caso abre interrogación nin admiración.
1900 No texto: *crióu*
1901 No texto: *, ti gardas o gado?*.
1902 No texto: *Estóu*. Aquí e no resto do texto.
1903 No texto: *iréi*. Aquí e no resto do texto.
1904 No texto: *perderéi*.
1905 No texto: *d'auga, t'abrigaches.*
1906 No texto: *perderéi*.
1907 No texto: *d'impertinente.*
1908 No texto: *m'has*.
1909 No texto: *d'ahí, majo*.
1910 No texto: *fé*.
1911 No texto: *Dame, d'acabalo.*
1912 No texto: *qu'ahí*.
1913 VR1: 701-702.

Ai Rufina hermosa tu que fais aí
'tou gardando o gado que eu teño aquí
se guárda-lo gado viraste conmigo [1914]
nesta serra sola correrás peligro
se corro peligro nin fun nin irei
que dirá meu amo ien qué me ocupei
se che di teu amo ien qué te ocupache
dille que chovía i que te abeirache
hei contar verdá que eu mentir non sei [1915]
veu un caballero con el me ocupei
'ojalá' viñera i 'ojalá' chegara
i 'ojalá' soupera que eu contigo estaba. [1916]

Ai Rufina hermosa tu qué fais aí
'tou guardando o gado que o teño aquí [1917]
si o tés aí viráste conmigo
sola nesta serra córreche peligro
nin che digo eso nin tanto como esto
dígoche que veñas a toma-lo fresco
a toma-lo fresco nin fun nin irei
que dirá meu amo en qué me ocupei [1918]
que dirá teu amo en que te ocupache [1919]
dille que chovía que te abeirache [1920]
hei contar verdá que eu mentir non sei [1921]
voume pra onde o gado que o perderei [1922]
o gado Rufina non che dea cuidado
que se tu o perdes eu che irei buscalo [1923]
o Jesús humano cáse vés ufano
con mangas de seda pra guarda-lo gado
mangas i manguitas tengo de poner
pra che dar Rufina pra che dar placer
placer non me dás que antes me dás pena [1924]
que aí vén o meu amo trae-la merenda [1925]
'ojalá' viñera i 'ojalá' chegara
i 'ojalá' soupera que contigo estaba
dígoche Rufina iá fe de quen son
dígoche Rufina teu irmau che son
irmau da miña vida e do meu corazón
deso que che dixen pídoche perdón
do que me dixeches xa está perdonado
xente deste pueblo atender ó gando
que aí vén Rufina co seu namorado. [1926]

Ai Rufina hermosa tu qué fas eí
tou ghardando ghando ben o ves eíe
pídoche Rufina ... son
dígoche Rufina eu son túa irmón [1927]. [1928]

Dios te garde, Rosa,
ti ¿qué fas eiquí?
-Tornando o ganado,
que o traio eiquí. [1929]
-Ganado alugado
ve-lo eiquí traio,
inda, pastoriña,
serei teu criado.
-¿Con medias de seda
has tornar ganado?
-Medias e vestidos
quixera romper,
linda pastoriña,
por che dar placer.
Niste monte largo [1930]
corre sin peligro;
linda pastoriña,
¿queres vir comigo?
-Non é xente noble
quen dá tal consello, [1931]
que quer que se perda
o ganado alleo.
Váiase de eí, home, [1932]
non me dea pena,

[1914] No texto: *viráste*.
[1915] No texto: *qu'eu*.
[1916] SCHU4/2/1f. Recollido en Soutelo, San Xorxe, Ribeira de Piquín. No texto: *qu'eu*.
[1917] No texto: *guardand'o*.
[1918] No texto: *m'ocupei*.
[1919] No texto: *t'ocupache*.
[1920] No texto: *t'abeirache*.
[1921] No texto: *qu'eu*.
[1922] No texto: *pr'ónd'ó gado*.
[1923] No texto: *ch'irei*.
[1924] No texto: *qu'antes*.
[1925] No texto: *qu'aí*.
[1926] SCHU4/2/1c. Recollido en San Martín de Suarna, A Fonsagrada.
[1927] Sic.
[1928] SCHU4/2/1o. Recollido en A Cancela, A Illa, Entrimo.
[1929] No texto: *trayo*. Aquí e no resto do texto.
[1930] No texto: *N-iste*.
[1931] No texto: *da*.
[1932] No texto: *Váyase d'ehí*.

que eí vén meus amos [1933]
traerme a merenda [1934].
-Ogallá viñeran,
ogallá chegaran,
ogallá souberan
que eu contigo estaba. [1935]
- Váiase de eí, home, [1936]
non me dea tormento,
non o podo ver [1937]
nin do pensamento. [1938]
-Eu eiquí che veño
de herdación non son, [1939]
saberás, miniña,
que teu irmán son. [1940]
- Serás meu irmán,
serás moito embora,
sácame de eiquí [1941]
diste val afora. [1942]

Hermosa Rufina tu qué fais aí
estou gardando o gado ben o ves aí
hermosa Rufina pra garda-lo ghado
xa Dios te criou
hermosa Rufina para ese traballo [1943]
hermosa Rufina ai vente conmigo
que no monte sola correrás peligro
válghate Dios magho qué tal me decías [1944]
que deixase o gado e a facenda miña [1945]
non che digo eso nin tal coma eso
dígoche que veñas a toma-lo fresco
a toma-lo fresco nin fun nin irein
que dirá meu amo ien qué me ocupein
si dice teu amo ien qué te ocupache
que veu un trebón e que te abrigache
mangas e vestidos teño de romper
hermosa Rufina por che dar placer
placer non mo dás que inda me dás pena [1946]
que eí ven o meu amo traerme a merenda [1947]
queira Dios que veña e queira Dios que vaia[1948]
e queira Dios que sepa que contigo estaba. [1949]

-Oh, Rufina fermosa,
tu gárda-lo gado [1950].
-Xa Dios me criou
pra ise traballo.
-Oh, Rufina fermosa,
vente conmigo
que sola no monte
corres peligro.
-Váiase de eí [1951],
non me díe pena
que van vir os amos
traguerme a merenda.
-¡Ogallá viñeran,
ogallá chegaran!
¡Ogallá souberan
que contigo estaba! [1952]
-Váiase de eí [1953]
non me dí tormento,
que, anque o amor é firme
xa se vai fendendo.
-Oh, Rufina fermosa,
vente conmigo,
que sola niste monte

1933 No texto: *qu'ehí vén meus amos.*
1934 No texto: *traerm'a*.
1935 No texto: *qu'eu*.
1936 No texto: *Váyase d'ehí*,.
1937 No texto: *non-o*.
1938 No texto: *d'o*.
1939 No texto: *d'herdación*.
1940 No texto: *hirmán*. Aquí e no resto do texto.
1941 No texto: *d'eiquí*.
1942 No texto: *díste.* JASA:233, recollido en Seixalbo. Engade en nota que sobre o mesmo asunto presenta Braga variantes máis amplas no *Romaceiro Geral* (51) e no *Arch. Azor*, pero considera a var. galega mellor por ser máis breve e non te-lo feo engadido da repugnante aposta dun recén chegado de vence-la pureza da súa irmá e a de confesarse ela vencida e apaixonada en presenza do seu sedutor. A Saco y Arce, sacerdote, repúgnalle igualmente unha variante francesa que tamén cita Braga (*Arch. Azor*. 466).
1943 No texto: *par'ese.*
1944 No texto: *majo*.
1945 No texto: *deixas'o.*
1946 No texto: *qu'inda.*
1947 No texto: *qu'ei, traerm'a*.
1948 No texto: *veñ'e.*
1949 SCHU4/2/1p. Recollido en Celavente, O Bolo.
1950 No texto: *gardalo*.
1951 No texto: *ehí*.
1952 No texto sen signos de admiración.
1953 No texto: *ehí*.

corres peligro.
-Non vou nin irei,
que ando co gado
e o perderei.
-Se perdére-lo gado [1954]*,*
non che díe coidado,
Rufina fermosa,
que eu irei buscalo.
-¡Valate Dios, humano,
que vés ufano
con mangas de seda
garda-lo gado [1955]*.*
-Xúroche, Rufina,
a fe de quen son,
xúroche, Rufina,
que eu teu irmau son
e de canto che dixen
pídoche perdon. [1956]

Qué haces ay Rufina que haces ahí
cuidando el ganado que lo traigo aquí
non che digo eso nin tanto coma eso [1957]
dígoche que vamos a toma-lo fresco
a toma-lo fresco nin vou nin irei
que dirán meus amos en qué me estudiei
se dicen teus amos en qué te estudiache
veu un ballón d'auga e que te arrimache [1958]
voume pró ganado que o perderei
contando verdades que eu mentir non sei
santiños do Poio cuidai do ganado
que se vai Rufina co seu namorado. [1959]

Rofeniña hermosa tu qué fais aí
ghardando o ganado ben o ves aí [1960]
anda Rofeniña tu vente conmigo
nesa serra sola córreche peligro
..... non fun nin irein
que dirá meu amo en qué me acupein
se che dice en qué te acupache [1961]
dille que veu un torbón e que te agachache [1962]
pra cuntar verdá i eu mentir non sein
voume gárda-lo ganado que io perderein
anda Rofeniña non teñas coidado
que o ganado se o perdes eu irein buscalo [1963]
condenario de home que oufano vén [1964]
en mangas de seda garda-lo ganado
mangas e vestido tengo de romper
téñoche Rofina por che dar placer
márchate de aí humano márchate de aí
correndo [1965]
que o meu amor é moito xa me vai rindiendo.[1966]

Rofeniña hermosa tu qué fais aí
ghardando o ganado ben o ves aiquí [1967]
Rofeniña hermosa quieres vir conmigo
neste monte sola córreche peligro
Jesús humano qué tal me deseas
queres que perda a facenda ajena
nin che dixen eso nin tanto coma eso [1968]
dígoche que veñas a toma-lo fresco
a toma-lo fresco nin fun nin irei
dirame o meu amo en qué me acupein [1969]
díceche teu amo en qué te acupache [1970]
dille que choveu e que te abrigache [1971]
hein contar verdá que mentir non sein
curarein do gado que o perderein
Rofeniña hermosa non tengas cuidado
se o gado se perde eu irein buscalo [1972]

1954 No texto: *perderelo*.
1955 No texto: *gardalo*.
1956 LimiaB:194. Engade que incluso en Portugal (Guimarães, Monte Córdova, etc.) se coñecen variantes deste romance. SCHU4/2/1m. ofrece o mesmo texto, recollido en Lobeira, pero unindo cada dous versos nun único verso.
1957 No texto: *com'eso.*
1958 No texto: *t'arrimache.*
1959 SCHU4/2/1l. Recollido en Outeiro, Santa Cruz do Incio.
1960 No texto: *ghardand'o*.
1961 No texto: *dic'en, t'acupache.*
1962 No texto: *t'agachache.*
1963 No texto: *qu'o.*
1964 No texto: *d'home, qu'oufano.*
1965 No texto: *d'aí.*
1966 No texto: *qu'o*. SCHU4/2/1k. Recollido na Pía, Noceda, As Nogais.
1967 No texto: *ghardand'o*.
1968 No texto: *com'eso.*
1969 No texto: *diram'o, m'acupein.*
1970 No texto: *t'acupache.*
1971 No texto: *t'abrigache.*
1972 No texto: *s'o.*

Jesús humano vienes tan profano
en mangas de seda buscarme o ganado [1973]
mangas e vestido tengo de romper
Rofeniña hermosa por che dar placer
non me das placer que aún me das pena [1974]
logo ha vir meu amo traerme a merenda [1975]
ogalá viñera i ogalá chegara
i ogalá soupera que contigo estaba
quítate daí humano non me días tormento
no te puedo ver ni de pensamento
o estar demais e de emportinente [1976]
os homes non son lobos que coman a xente
estón de máis ae fago ben
é de emportinente aisí me convén [1977]
quédate con Dios Rofina quédate en horabuena
yo me voy bota-lo gado daquel valle fuera
vuelve acá humano vuelve acá corriendo [1978]
el amor es firme ya me va rindiendo
xúroche Rofina á fé de quen son
xúrocho Rofina que teu irmau son
ai irmau da vida e do corazón
polas que che dixen pídoche perdón
as que me dixeche éche perdonado
i ó aventurado lévoche o ganado [1979]
xente do lugar recoudai o gado
que eí vén Rofiniña co seu nemorado. [1980]

Rofenita hermosa tu que fais eí
toun guardando o gado que io traigo eiquí
non che digo eso nin tal como eso
dígoche que vamos a toma-lo fresco
a toma-lo fresco nin vou nin irein
que dirá meu amo de qué me acupein
que dirá teu amo de qué te acupache
dille que chovía e que te abrigache
eu cuntar verdá que mentir non sein
voun busca-lo gado que io perderein
Rofenita hermosa perde tu cuidado
se o gado de perde eu irein buscalo [1981]
lévete Dios humano cómo veis oufano
en mangas de seda guarda-lo ganado
mangas y vestidos tengo de romper
Rofenita hermosa por che dar placer
por me dar placer inda me dás pena
aí ven o meu amo traerme a merenda [1982]
oghalá viñera oghalá chegara
oghalá soupera que contigo estaba
adiós Rofenita adiós adiós óra
voun bota-lo gado daquel valle fóra
volve acó humano volve acó correndo [1983]
o amor é largo xa me vai rindendo
polo que che xuro que xurarche voun
Rofenita hermosa teu irmau che son
si eres mi hermano por Dios te lo pido
que no digas nada de lo socedido
pon o pé no estribo monta dacabalo
veciños do pueblo ghardai o ghanado
que Rofina vaise co seu nemorado. [1984]

Rofina hermosa ti qué fas aquí
estou ghardando o ghado ben mo ves aquí [1985]
ai Rofina ihermosa tu vente comigho
que neste monterbo [1986] *che corre pelighro*
contigho non voue nin vou nin irei
que ha decir meu amo en qué me acupei [1987]
ai si che di teu amo en que te acupache [1988]
dille que orballaba i que te abrigaches [1989]
vou contar verdaie que eu mentir non sei [1990]
vou gharda-lo ghado que io perderei
o ghado Rofina eu cho ghardarei
a mais si ti queres por ti andarei
vághate Dios magho cáse vés ufano [1991]
con manghas de seda ia aghardar ghanado

1973 No texto: *buscarm'o.*
1974 No texto: *qu'aún.*
1975 No texto: *log'ha, traerm'la.*
1976 No texto: *d'emportinente.*
1977 No texto: *d'emportinente.*
1978 No texto: *vuelv'acá.*
1979 No texto: *lévoch'o.*
1980 SCHU4/2/1i. Recollido en Ferreiras, Noceda, As Nogais. No texto: *qu'eí*.
1981 No texto: *s'o.*
1982 No texto: *traerm'a.*
1983 No texto: *volv'acó.*
1984 SCHU4/2/1j. Recollido en Ferreiras, Noceda, As Nogais.
1985 No texto: *'stou.*
1986 *Monterbo* por monte ermo.
1987 No texto: *qu'ha decir, m'acupei.*
1988 No texto: *t'acupaches.*
1989 No texto: *qu'orballaba, t'abrigaches.*
1990 No texto: *qu'eu.*
1991 No texto: *majo*, *Cáse* por *cánto*.

manghas e vestidos traigho de romper
para a ti Rofina che dar de placer [1992]
ai placer no me dáse que inda me dás pena [1993]
que ha lleghar meu amo traerme a merenda [1994]
aghollá viñera i aghollá chegara
para que soupera que eu contigho estaba [1995]
válghache Dios magho qué ben me deseas [1996]
para que eu perda ó das casas alleas [1997]
quédate Rofina quédate a banora [1998]
vou bota-lo ghado daquel aghro fóra
ai si te vas magho te volve correndo [1999]
que yo soy amor firme ya me voy rendendo [2000]
quédate Rufina iá lei de quen son
quédate Rufina que eu teu irmau che son [2001]
ai meu irmau da vida ie do corazón
desto que che dixen che pido perdón. [2002]

Rofina ihermosa tu qué fais eí
ghardando o ghanado que io traigho eiquí [2003]
Rofina ihermosa tu vente conmigho
neste monte solo corres en pelighro
Rofina ihermosa tu vente conmigho
a toma-lo fresco aquel alto pino
deo e Dios home cómo vén oufano
en mangas de seda gharda-lo ghanado
mangas e vestidos teño de romper
Rofenita hermosa por che dar placer
sáquese de eí home non me día tormento [2004]
non o podo ver nin de pensamento
Rofina ihermosa tu vente comigho
se o ghado se perde ieu irein buscalo [2005]
sáquese de eí home non me día pena
que vai vir meu amo traerme a merenda [2006]
oghallá viñera oghallá chegara
oghallá soupera que contigho estaba.
sáquese de eí home non me día tormento
non o podo ver nin de pensamento
Rofina ihermosa tu vente conmigho
neste monte solo corres en peligro
se o gado se perde ieu irein buscalo [2007]
si dice teu amo en qué te acupache
que veu unha niebla i que te abrighache
a contar verdá iu mentir non sein
voume pró ghanado que io perderein
viciños do pueblo atendei ó ghado
que eí veñe Rofina co seu nemorado [2008]
ai irmau da vida e do corazón
do que che falein pídoche perdón. [2009]

-Rufina hermosa,
¿ti que fas aí?
-'Tou gardando o gado.
Ben o ves aquí.
-Rufina hermosa,
ti vente comigo:
nise monte sola
córreche peligro.
-Contigo non vou;
nin vou nin irei:
tou gardando o gado,
que o perderei.
-I o gado, Rufina,
non che dé coidado:
si ti o perderes,
eu irei buscalo.
-¡Valgate Dios, humano,
o que vés ufano!:
¡con mangas de seda
pra garda-lo gado!
-Mangas e vestido
teño de rompere
non, Rufina hermosa,
pra che dar placere.
-Placer non mo dás

[1992] No texto: *par'a ti.*
[1993] No texto: *qu'inda.*
[1994] No texto: *qu'ha, traerm'a.*
[1995] No texto: *qu'eu, 'staba.*
[1996] No texto: *majo*.
[1997] No texto: *perd'ó.*
[1998] No texto: *quédat'a*. *A banora* por *en boa hora*.
[1999] No texto: *majo*.
[2000] No texto: *qu'o* por *que yo.*
[2001] No texto: *qu'eu te'rmau.*
[2002] SCHU4/2/1a. Recollido en Porto de Salgueiro, Brañas, Toques.
[2003] No texto: *ghardand'o, traigh'eiquí.*
[2004] No texto: *d'eí.* Aquí e no resto do texto.
[2005] No texto: *s'o.*
[2006] No texto: *traerm'a.*
[2007] No texto: *s'o.*
[2008] No texto: *qu'eí.*
[2009] SCHU4/2/1h. Recollido en Veiga de Forcas, Pedrafita do Cebreiro.

que inda me dás pena; [2010]
logo ha vir meu amo
traerme a merenda.
-¡Ogalla viñera!
¡Ogalla chegara!
Rufina hermosa,
eu contigo estaba.
-Marcha de aí, humano, [2011]
marcha de aí corriendo,
que ese amor tan firme [2012]
ya me está rindiendo.
Marcha de aí, humano,
marcha de aí agora:
vou bota-las vacas
daquil prado fóra.
-Eu son teu irmao,
eu teu irmao sonhe,
desto que che dixen
pídoche perdonhe.
-Se es meu irmao,
es de corazonhe,
polo que che dixen
pídoche perdonhe.
-I o que me dixeches
está perdonado;
trae aquí unha mao
e monta de acabalo. [2013]
-Avisa os do pobo
que acudan ó gado,
que se vai Rufina
co seu namorado. [2014]

Rufina hermosa tu qué fais aí
tou gardando o gado ben o veis aí
pra guarda-lo gado xa Dios te criou
hermosa Rofina para ese traballo [2015]
deixa de gardar de garda-lo gado
e vente comigo a toma-lo fresco
contigo non vou ai non podo ir
que dirá meu amo en qué me ocupein
si vén o teu amo i en qué te ocupache [2016]
que veu un trebón e que te abrigache. [2017]

Rufina hermosa tu qué fais aí
tou gardando o gado que io teño aquí
se gárda-lo gado viráste conmigo
sola nesa serra correrás peligro
non corro peligro nin che día coidado
que Dios me deixou pra garda-lo gado. [2018]

Rufina hermosa tu qué fas eí
estou gardando o gando que o traio eiquí
do gando Rufina non teñas coidado
si o tu perderas eu irei buscalo
vaite de eí humano non me deas pesar [2019]
que ha de vir meu amo traerme o xantar [2020]
ojalá viñera ojalá chegara
ojalá soupera que eu contigo estaba [2021]
xentiña do pueblo acudan ó gando
que se vai Rufina co seu nemorado
se se vai Rufina co seu nemorado
ela fica rindo i eu quedo chorando. [2022]

Rufina ihermosa tu qué fais eí
tou gardando o gando que o teño aquí [2023]
i o gando Rofina non che día coidado
que si o perderes eu che irei buscalo [2024]
tu te-lo ganado i eu téñoo perdido [2025]
con palabras túas teisme convencido
mangoas i manguitos tengo de romper
Rofina ihermosa por che dar placer
ai non me dás placer antes me dás pena
iha de vir meu amo traierme a merenda [2026]
ojalá viñera i ojalá chegara
i ojalá soupera que eu contigo estaba. [2027]

2010 No texto: *qu'inda*.
2011 No texto: *d'aí*. Aquí e no resto do texto.
2012 No texto: *qu'ese*.
2013 No texto: *d'acabalo*.
2014 Recollido por Ana M. Varela Varela a Amparo García Frade (70 anos en 1986), de Antas de Ulla.
2015 No texto: *par'ese.*
2016 No texto: *t'ocupache.*
2017 No texto: *t'abrigache*. SCHU4/2/1q. Recollido en Celavente, O Bolo.
2018 SCHU4/2/1g. Recollido no Chao do Pousadoiro, San Xurxo, Ribeira de Piquín.
2019 No texto: *d'eí.*
2020 No texto: *qu'ha, traerm'o.*
2021 No texto: *qu'eu.*
2022 SCHU4/2/1b. Recollido en Casares, Carballedo.
2023 No texto: *guardand'o.*
2024 No texto: *ch'irei.*
2025 No texto: *té-lo, teñ'o.*
2026 No texto: *traierm'a.*
2027 No texto: *qu'eu*. SCHU4/2/1e. Recogido en Outariz, Santalla, Ribeira de Piquín.

Rufiniña hermosa tú qué fas eí [2028]
ándoche co gando ben o vés eí
ben o vexo eí ben o vexo andar [2029]
ja Dios me criou pró gando gardar
visíñor do pobo acudí ó ghado
que alá vai Rufina co seu namorado [2030]
móntate Rufina do meu corasón
móntate Rufina que eu teu irmau son [2031]
si tu...-l'meu irmau irmau do curaçon [2032]
de tódalas palabras eu pido perdón. [2033]

Rufina ihermosa tu qué fas aí
antornando o gando que o traigo aquí [2034]
Rufina ihermosa vente tu conmigo
nises montes sola corres en peligro
.....nin vou nin ireie
trai aquí o gando que o perderei [2035]
o gando Rufina non perdas coidado
que se o perderas eu che irei buscalo [2036]
ioxalá io magho qué ben me deseas [2037]
que deixe perdere facendas alleas
vaite daí magho non me des máis pena [2038]
que ha de vir meu amo traerme a merenda [2039]
e se veu teu amo e di en qué te embobache [2040]
que veu unha niebla de auga e que te
abrigache [2041]
vaite de aí oh magho vaite de aí correndo [2042]
non te quero ver din de pensamento
io que estás de ingrata e de protendente [2043]
homes non son lobos que coman a xente
i eu si estou de ingrata fago munto ben [2044]
i eu si estou de ingrata iasí me convén [2045]
xúrocho Rofina xúrocho de grado
o que che aventureie tráigocho ganado [2046]
si o tu tras ganado i eu téñoo perdido
coas túas palabras térme convencido
xúrocho Rofina i a fé de quen son [2047]
xúrocho Rofina que eu teu irmau son [2048]
irmau da miña vida e do meu curazón
de canto che dixen pídoche perdón
xentiña do pobo iacudan ó gando
que alá vai Rofina co seu nemorado. [2049]

Unha pastora no monte,
alá polo mediodía,
toda aspadiña de sede
soñaba cua fonte fría:
soñaba cuaquela fonte
de pola Virxe bendita.
-¿Que fas por eiquí, pastora,
que fais por eiquí, querida?
-Estoume guardando as vacas,
o que ficen toda a vida.
-Vente comigo, pastora,
vente comigo, querida.
-Eso sí que non, Señora,
eso nunca o faría;
se deixo as vacas no monte
os lobos mas comerían;
se non levo os cais comigo
de fame ló morrerían.
-Deixa as vacas no monte
que eu ben che as guardaría;
deixa os cais no collado
que eu de comer lle daría. [2050]

[2028] No texto: *Rufinín'hermossa.*
[2029] No texto: *vej'eí, vej'andar.*
[2030] No texto: *qu'alá.*
[2031] No texto: *qu'eu.*
[2032] Aquí *curaçon*, se ben dúas liñas antes escribía *corason*.
[2033] SCHU4/2/1n. Recollido en Guxinde, Pereira, Entrimo.
[2034] No texto: *antornand'o.*
[2035] No texto: *trai'aquí.*
[2036] No texto: *ch'irei.*
[2037] No texto: *majo*.
[2038] No texto: *majo*.
[2039] No texto: *traerm'a.*
[2040] No texto: *di'n, t'embobache.*
[2041] No texto: *d'auga, t'abrigache.*
[2042] No texto: *d'aí, o mago.*
[2043] No texto: *que'stás, d'ingrata.*
[2044] No texto: *si'stou, d'ingrata.*
[2045] No texto: *si'stou, d'ingrata.*
[2046] No texto: *ch'aventureie.*
[2047] No texto: *i'a.*
[2048] No texto: *qu'eu.*
[2049] SCHU4/2/1r. Recollido en Sampaio, Piñeiro, Maside.
[2050] LP3:11. No texto: *Estóume guardando as vacas*.

O queixo e a manteiga deben de ser alimento misterioso dos mouros dos castros, porque o piden con frecuencia e págano moi ben, a condición que lles garden o segredo. Outras veces o queixo é o instrumento para desencantar un encanto e baixo o queixo ocúltase un cabalo ou outra cousa. Véxase o conto *O queixo das catro esquinas e a fonte de Ana Manana* en 6.5.9.2.

Andando co gado [2051]

Un rapaciño de Ordes andaba gardando o gado e, ó chegar ó castro, apareceulle [2052] unha muller cunha tenda, dicíndolle:

- *Neniño ¿que cosa es que te gusta más de esto*? [2053]

- *Pois, señora, gústanme estas tixeiriñas.*

- *Ben, ven mañá por elas; pero trae un molete de pantrigo e unha taza de manteca, que te las he de dar.*

O día seguinte, o rapaz foi ó castro e sentouse encima dunha pedra, pousando a taza e mailo molete. Cando quixo erguerse, notou que estaba apegado á pedra, e era que contara na casa o sucedido no monte e non dera tino do segredo que a moura lle encargara.

Chegando a noite, oíu unha voz que lle dixo:

- *Neniño, vaite, que teñen moita pena por ti na túa casa*.

O rapaz marchou, mais [2054] a manteiga e o pantrigo quedaron apegados para sempre.

O home que andaba co gando no monte [2055]

Un señor estaba co ghando no monte i encontrou unha señora e díxolle a señora:

-*Usted anda a cocere*.

E díxolle el:

-*Ando*.

-*Pois tráighame un bolo de pan*.

E o señor levoullo e a señora deulle outro de volta i era un bolo de plata.

Ó outro día volveu o señor e a señora díxolle ighual e deulle un bolo de ouro. O señor quedou moi contento.

Ó terceiro día pasou por alí outra vez e díxolle a señora igual cós outros días i el tróuxolle o bolo de pan e a señora díxolle [2056]:

-*Saque d'aquí que o abraso*.

Porque a señora non quería que llo dixera á xente i el xa llo dixera.

A tradición popular recolle relatos nos que se asegura que por veces o demo ou un defunto aparécense en forma de vaca ou boi. Velaí unha das que recolle Vázquez Varela [2057].

O demo en figura de vaca

No Pozo do Inferno, no río Umia, decían que salía unha muller o día de San Xoán, sentada nunha grade que tiraba unha xugada de bois e parábase na beira [2058], a uns cincuenta metros do río. Unha veciña dunha aldea do lado, que iba leva-las [2059] vacas pacer, viuna [2060] e díxolle:

[2051] A lenda é do Castro Pedro de Folladela, Melide (A Coruña) e recóllea XMGR (75).

[2052] No texto: *e ó chegar ó castro apareceulle*.

[2053] No texto: *Neniño, que cosa es que te gusta más de esto.*

[2054] No texto: *marchou máis*.

[2055] Procede do Arquivo do ILG. Informante: Erundina Álvarez, veciña de Pías (Ponteareas).

[2056] O colector corrixe en *lle dixo*, como tamén, máis adiante, *lle abraso* e *so dixera*, erros que consideramos imposibles, máxime nunha falante de case 70 anos.

[2057] JMVV, s.v. *aparición*. O relato é de Forcarei, Pontevedra.

[2058] No texto: *, e parábase na veira.*

[2059] No texto: *levá-las*.

[2060] No texto: *víuna*.

-¿Que fai vostede así?
-Estou [2061] *ó sol ¿quere vir sentarse cabo de min?*
-Non, sentarme non - contestoulle [2062] a veciña.
-Bueno, muller, vaite logo prá túa casa, pois si te sentas na grade, nunca máis volverás a ela.

9.11.4. Estragos do pastoreo

13236 **braisada** *s.f.* Estrago feito por algún animal. (Piquín).

13237 **camarzo** *s.m.* Estragueira producida por un animal nunha leira. (Acevo).

13238 **degrumeira** *s.f.* Derramo que fan as vacas ou outros animais ó pastaren. *Ai, que degrumeira fixeron as vacas no millo*. (Parade.).

13239 **esturruxeiro** *s.m.* Dano feito nun campo sementado por animais que o fozaron ou pisaron. (Lou.).

13240 **ranfañada** *s.f.* Pequeno estrago feito por un animal nun terreo cultivado. *Foi dar unha ranfañada*. (Martín, Piquín).

13241 **represión** *s.f.* Acción de controlar [o gando que anda ceibo] para que non invada propiedades alleas ou campos cultivados. *Cara ista banda había unha praciña formada polo cruce de congostras e os outóns ou os portales de algunhas casas, na que costumaban axuntarse os veciños pra cousas de intrés común, tales como a represión do gando, a limpeza das presas, os arregros do camiño ou fixar o día de iren a pagar unha renda*. (GB2:172).

13242 **andonión** *adx.* [Animal ou persoa] que anda dun lado para outro sen xeito nin intención. (Piquín).

13243 **apatagañado** *adx.* [Cereal] pisado polo gando ou a xente. *Ten má sega cando o pan está deitado polo ar e azangado 'tripado' ou apatagañado e asoballado polo gando*. (Parade.:88).

13244 **azangado** *adx.* Ver APATAGAÑADO /13243. (Parade.).

13245 **ladrón** *adx.* [Bovino] que, cando pace, adoita saír fóra do lindeiro. O fem. que nós rexistramos é *ladroa*. *Era un pequeno que andaba coas ovellas e non era capaz de gardalas ben, porque eran moi ladroas; e craro, todos os días lle reñían en casa por deixar facer daño* (FINGOI:98: *O pequeno do chiflo*). (VS, XERCG).

13246 ***ladrona** *adx.* Ver LADRÓN /13245. (Ancares2).

13247 **abalastrar** *v.* Pisa-la herba repetidamente [o gando] ata deixala totalmente achanzada. *A facenda abalastróu a ferraña*. (Xun2).

13248 **abastrar** *v.* Ver ABALASTRAR /13247. (LG, Piquín).

13249 **abazocar** *v.* Ver ABALASTRAR /13247. *Cando o que esmaga* [o gando ó entrar nunha leira] *é o trigo ou as achicorias ou leitugas é que está 'abazocando'*. (LG).

13250 **abulastrar** *v.* Ver ABALASTRAR /13247. (Made.).

13251 **acadazar** *v.* Ver ABALASTRAR /13247. *Pola contra, se* [o gando] *entra atropeladamente na leira, o que fai é 'acadazar' ou destrozar o semado* (LG:26.04.1998). (LG, Piquín).

13252 **acagazar** *v.* Ver ACADAZAR /13251. (Piquín).

13253 **acurrar** *v.* Prender [o gando alleo] que pace na devesa dun e encerralo ata que o dono pague a desfeita. (ERG).

13254 **aldrapear** *v.* Estraga-la herba [o gando] botando a boca a todo en vez de parar nun sitio. (Sarre.).

13255 **aldroballar** *v.* Pisar, esmagar, andar sen tino [o gando] [sobre as plantas]. *A facenda aldroballóu toda a herba*. (Xun2).

13256 **amagallar** *v.* Esmagar [o gando] os cultivos cando entra nunha leira, propia ou allea. (LG).

13257 **apartagañar** *v.* Tripar [o gado] o terreo de pasto ou do lugar por onde pase ou estea. (Parade.).

13258 **asalbariñar** *v.* Esmaga-la herba [o gando] coas pisadas ó pacer. (ERQ2).

13259 **aspar** *v.* Esquilmar, erosiona-los campos [o gando], [ou tamén o frío, o vento ou a calor]. (Xun2).

13260 **atracallar** *v.* Estragar [unha vaca] os campos sementados. (Piquín).

13261 **brear** *v.* Pisar [o gando] moito un terreo. *O prado está moi breado*. (Cerd1).

13262 **coutivar** *v.* Retrasa-lo crecemento das plantas por andar moito enriba delas [o gando ou a xente]. (Xun2).

13263 **devaldruar** *v. Ú. t. c. prnl.* Esgotar, deixar ermo. *Desvaldruáronlle os eidiños co jado*. Rivas Quintas lematiza *devaldruar*, *devaldruarse* pero no exemplo que ofrece utiliza *desvaldruar*, non sabemos se por erro ou como variante. (Arn.).

13264 **esbardar** *v.* Esparexerse [o gando] cando anda

[2061] No texto: *estóu*.
[2062] No texto: *contestóulle*.

a pacer, sen ter conta dos lindeiros dos donos. *'Esbardar' ou ciscar-se o gado, cando anda no pasto, sen que seña espantado. 'Coida de que non che esbarden as vacas pra o meio das chousas'*. (Parade.:278).

13265 **esbarrincar** *v.* Derrubar ou correrse [a terra] como consecuencia das pisadas do gando cando o terreo está brando. (Xerdiz).

13266 **esburriar 1** *v.* Desmoronar un prado costeiro [as vacas] coas súas pisadas. (LG, Piquín).

13267 **esburrigarse** *v.* Ver ESBURRIAR 1 /13266. (Piquín).

13268 **esfoirar 1** *v.* Derrubar [as vacas] a terra dun prado costento. (Barcia, Cubi., LG, Piquín).

13269 **estrochar** *v.* Ver ESTROXAR /13270. (Piquín).

13270 **estroxar** *v.* Esmagar [un animal] coas pisadas un campo sementado. (Piquín).

13271 **prinder** *v.* Sorprender [gando alleo] nun prado propio e retelo ata que o dono pague os danos. (Ancares2).

13272 **rañar** *v.* Pacer ata deixa-lo prado comesto de todo. *Non leves as vacas ó Prado da Pena porque está mui rañado*. (Burón, Feás-A, Gun., Hermi., Lan., Lemos2, Ped1, Suarna).

13273 **reprender** *v.* Controlar [o gando] que pace (ou que camiña), coma tal, para impedir que invada propiedades alleas ou campos cultivados. *Vai ó monte e reprende o gando. Reprende as vacas, que non vaian pelexar coas túas*. (Arzua6, Rois3).

13274 **restroballar 1** *v.* Pisa-la herba [o gando] ó pacer. (ERQ).

13275 **vezar** *v.* Acostumarse [o gando] a pacer onde non debe ou en propiedade allea. *'Vezar' ou andar ao 'vezo' é probar ou coller o gado o vicio de pascer onde non conven ou en sitio alleo, para onde corre desde a primeira vez. [...] 'O gado, despois de vezar as berzas, non hai quen o torne da horta'*. (Parade.:279).

13276 **andar ao vezo** *loc. v.* Ver VEZAR /13275. (Parade.).

13277 **coller en prinda** *loc. v.* Quedar co [gando alleo] que un sorprende na súas terras ata que veña paga-lo rescate o propietario do mesmo. (Ancares2).

13278 **facer ladroadas** *loc. v.* Facer estragos [o gando] nas hortas ou leiras alleas se colle o vezo de entrar nelas. Tamén se aplica ás ovellas nas mesmas circunstancias. (Parade.).

13279 **facer landreira** *loc. v.* Facer unha desfeita. *As vacas entraron no leiro do millo e fixeron landreira*. (Lan.).

13280 **pace-la outonía 1** *loc. v.* Eladio Rodríguez, que escribe *pacela outonía*, di que é, en linguaxe vulgar, facer desaparece-la herba dun prado que non se gardaba ben. (ERG).

A horta xeitosa fai a vaca ladroa. (XERCG:421) [2063]
O fruto xeitoso fai o boi ladrón. (VS)
A vaca lamboira, das que fai, coida. (VS)
A vaca lambona, do que fai, coida. (VS)
Amiguiños si, mais a vaquiña polo linde. (Gro5) [2064]
Anda o gado polo millo e durme durme o peguriño. (VLLM:2,90) [2065]
Cando durme o pegureiro, o gado tralo comareiro. (VLLM:2,92) [2066]
O pegureiro dormido e as vacas cabe do millo (VLLM:2,90)
O pegureiro dormido e o gado cabe do millo (VLLM:2,90) [2067]
Avezouse o boi ás verzas, non deixou verdes nin secas. (VLLM:1,127) [2068]
Foise o boi ás verzas e non deixou verdes nin secas. (ERG:boi) [2069]
De vaca que vai ás verzas e neno que pide contas, Dios nos libre. (VS) [2070]
En febreiro saca o boi do teu centeo. (ERG:febreiro)
O boi ladrón, ou come antes ou despois. (VS)
Vaca ramalleira, muller romarieira e besta que faga in nunca terán bon fin. (TCha:83)

2063 Corresponde co cast. *La ocasión hace al ladrón*.
2064 Variante: *Amigos, amigos, pero a burra á linde* (LT2:69).
2065 Llópiz recólleo en Nespereira de Pantón.
2066 Llópiz cita este refrán como var. daqueloutro *Pegureiro que adormece, año que se perde*; recólleo de L. Carrodeguas.
2067 Llópiz di que xa está en Duarte Nunes de Leâo.
2068 Igualmente: *Vezouse o burro ás berzas e non deixou verdes nin secas* (ERG:burro).
2069 ERG: *berzas*.
2070 VS: *berzas*.

Maruxiña, se vas á herba
pecha ben a cancela,
que teño unha vaca tola
que me come toda a herba. [2071]

Ó teu portelo, meniña,
atravésalle un codeso:
o becerro é becerriño,
ha de volver polo veso. [2073]

Neniña ó teu portelo
atravésalle un ramallo
o meu becerro é veceiro
pódeche brincar no prado. [2072]

Rapariguiña do gando,
corre ben ese portelo,
que o meu becerro é ladrón,
pódeche ir come-lo trevo. [2074]

O problema do gando que invade propiedades alleas, destruíndo os cultivos agrícolas, é un problema que debeu de iniciarse xa no nacemento da agricultura e a gandería e que, tras distintas formas que pasan polas loitas contra a poderosa Mesta hispánica, teñen o seu máis recente episodio nos pavorosos incendios de tódolos veráns. Desta traxedia ecolóxica reiterada os Organismos oficiais non deron encontrado unha autoría que estivese organizada en proporción á eficacia conseguida. Entre os moitos sectores baixo sospeita algunha vez estiveron os cazadores e mesmo os propietarios de gando en rexime de liberdade que en tempos adoitaban queimar no inverno para que na primavera nacese mellor a herba. Pero nada se deu probado que os faga responsables de tanta desfeita, maiormente porque eles queimaban no inverno e os incendios son no verán e, ademais, porque a provincia máis queimada é Ourense e é aquela na que menos gando hai.

Polo medio, quedan múltiples casos menores coma este diálogo dos Ancares [2075].

Discusion entre mujeres

–Josefa, teño muta prisa!
–Non tuveche prisa pra dir facerme'l suco eilí na mia nier!
–Busca ver quén chio fizo.
–Fuche tú ú o fillo!
–¡Muta mentira!
–¡Verdá!
–O fillo taba facendo masa pra'mañá la casa'n casa!
–Xa'l'outro día me mitíu as vacas no eiro'l Pico'l Souto!
–¡Muta mentira, busca a ver quen foi!
–Héi lievarchi as mías ia metérchi as en Raxõe.
–Eu héi chi as meter no prau de San Mighel!
–¡Ay, eso que che vea éu, que vas tar comigo!
–¡Eu veréime muy mal!
–¡Ay eso xa'l veremos!
–Eso xa tá visto.
–Pois mira, tú téĩs dous homes, ia éu sóu sola, pero nin aus dous omes, nin a tĩn che teño meu.
–Pois eu a tĩn tampouco.
–Ah, pois non'm'volvas a comé–lo eiro!
–Os meus homes non che fizerun mal a tĩn nin a naide!
–Mal non, pero cumírunm'a herba'l Pico'l Souto!
–As mías vacas non foron!
–Pois foron as tuas que me'l dixeron.
–Ia ¿quén che'l dixo?
–Ay, eso non fai falta dicílo eiquí. Xa chel diréi n'outro sityo.

[2071] RCI:51.
[2072] SCHU1/2/298. *Veceiro*: de mal costume, dise do gando que ten o vezo de deixa-lo camiño e coller ó revés. No texto: *atravesall'un*.
[2073] DBP:816. No texto: *O teu, atravésall'un*.
[2074] DBP:3300. No texto: *qu'o, pódech'ir, trebo*.
[2075] Ancares2:266-267.

–Pois éu quero que me'l digas eiquí, qu'hay muta xente pra demandarchi.
–¿Pra demandarmi?, quen che debía d(e)mandar era éu a tĩn, ía non che domando.
–Ay logo, voy pagar polo que non comĩn!
–Non m'as lievaras!
–¿Non chas lievara?
–¡Craro!
–Mira, éu teño prisa, que teño'l pan a l'eldo.
–Si téĩs prisa marcha, qu'éu si non me fixeras mal non riñía cuntigo.
–Que teño que lievar os garabullos!
–Lieva os garabullos!, ía volve, ía lieva despois, anque sea ũa caldeira!
–Ia tú non téĩs nada que facér, ia éu teño muto que facer!
–Eu teño muto que facer, que sóu sola.
–María, tú ben la ves!
–Sóu sola.
–Si eres sola, pois compra un can!
–Ay, non teño con que mantẽlo, que non teño quen me traballe!
–¿Non téĩs quén che traballe?, tedes ben con que lles pagare!
–Non, siñora, ¿con qué lles pago, que'm'queimóu todo? Si inda tóu debendo cuartos!
–¿Tás debendo cuartos?
–Si, siñora!
–Pois non che'l dice a xente!
–Ay, non mi dice!. Pois cómpram'un pradallo ou un eirello qu'éu che'l venderéi!
–Ia ¿cunqué'l queres que chi'os compre, si éu tampouco non teño perras?
–Téĩs muto quen chias gane, que chi'as gana'l fillo.
–Sou ũa probe!
–Gánachias o fillo, qu'é canteiro!
–¿Qu'é canteiro?
–¡Ia uficial!

Outros episodios, aínda sendo tamén menores, acaban nos xulgados onde os tribunais os analizan e ditaminan cunha miga de humor. Como exemplo podemos ve-los versos de Prado *Lameiro*, de 1918. Tamén houbo en Ferrol un sonado auto xudicial en 1991, por cousa dun accidente de tráfico provocado pola presenza dunha vaca. O humor é dos que escriben, pero é ben seguro que ós afectados non lles fai chiste ningún. Vexámo-lo texto de Prado *Lameiro*.

No xusgado de paz [2076]

- Señor Xuez: Eiquí veño xunto a vostede [2077]
a decirlle que antronte deixou, adrede, [2078]
as vacas o Pascasio da Cabadiña [2079]
entrar e faguer danos na veiga miña
que teño no Rigueiro, xunto a súa herdade,[2080]
e quedou feita unha calamidade,
pois, entre o que comeron i o que pisaron, [2081]
nin palla milla tesa lle me deixaron.
¡Home! ¿Entón tanto tempo elí andiveron?
- ¿Tanto tempo? O tempo que elas quixeron.[2082]
- E, ¿quen andaba con elas? [2083]
Andaban solas
i o meu millo cegounas, volveunas tolas [2084],
porque si vosté vira que bo il estaba...; [2085]

[2076] PL4: 2. No texto: *N-o*. Tamén no resto do texto: *n-a veiga, n-o Rigueiro, n-o meu monte, n-o lugar*.
[2077] No texto: *xunt'a*.
[2078] No texto: *qu'antronte*.
[2079] No texto: *d'a*.
[2080] No texto: *n-o, xunt'a sua*.
[2081] No texto: *y-o*.
[2082] No texto: *qu'elas*.
[2083] No texto: *quén, co'elas*.
[2084] No texto: *y-o, volvéunas*.
[2085] No texto: *íl*. Tamén no resto do texto.

¡olla que toda a xente se ademiraba! [2086]
- ¿I o Pascasio que dice ese respeito? [2087]
O Pascasio é un bruto, feito e direito.
Asomentes lle dixen o acontecido,
veuse a min cunha aixada, adoecido, [2088]
e botou pola boca mil perrerías [2089]
das que bota il a eito, tódolos días [2090].
- Pois, vaite ti tranquilo pro teu lugar [2091]
que agora mesmo mando por il chamar,
e dispoixas, do acordo terás aviso. [2092]
Está ben. Dios llo pague. Pois... con permiso.
* * *
- Eiquí estivo Xan da Pena [2093]
que me veu a denuncear
que as túas vacas nunha veiga [2094]
lle entraron... [2095]
Non diga máis.
¿Vosté conece esa peza?
Home... eu...
Pois, xa verá
que caste de paxariño
lle vén a ser ise Xan. [2096]
Rifamos, fai us dez meses, [2097]
por custión dunha marrá [2098]
que me vendeu por preñada
i inda agora non o está [2099],
e desde entón non me fala
nin lle falo; esta é a verdá. [2100]
A veiga dil está estrema [2101]
cun monte que eu teño alá [2102]
no Rigueiro, e dáse o caso
que iste ano, coa sequedá, [2103]
faltou a iauga da corga, [2104]
e non podendo regar,
o millo nacer naceulle,
pro, foi medrando tan mal
que non botou nin espiga,
i ás dúas coartas do chan [2105]
tisgouse, con estas calores, [2106]
e paroulle de medrar.
Entonces, o gran bergallo, [2107]
¿que fixo?: pola mañán [2108]
de coarta feira, mirando
as miñas vacas andar
no meu monte do Rigueiro,
chimpou un muriño que hai
antre a veiga e mailo monte, [2109]
e foise cara o lugar. [2110]
As vacas entón, pasaron
pra veiga, e nela xa [2111]
andiveron hastra a noite [2112]
que as fomos a percurar.
Certo que figueron dano, [2113]
pro, ¿quén tivo a culpa?Xan

[2086] No texto: *tod'a*.
[2087] No texto: *Y-o, ése*.
[2088] No texto: *c'unha*.
[2089] No texto: *pol-a, perrerias*.
[2090] No texto: *d'as que bota íl a heito, todol-os dias*.
[2091] No texto: *váite*.
[2092] No texto: *dispóixas*.
[2093] No texto: *Xán d'a*.
[2094] No texto: *tuas, n-unha*.
[2095] No texto: *ll'entraron*.
[2096] No texto: *Xán*. Tamén no resto do texto.
[2097] No texto: *déz*.
[2098] No texto: *d'unha*.
[2099] No texto: *y-inda, non-o*.
[2100] No texto: *est'é*.
[2101] No texto: *d'íl*.
[2102] No texto: *c'un, qu'eu*.
[2103] No texto: *qu'iste, co'a*.
[2104] No texto: *y-auga d'a corga*.
[2105] No texto: *y-ás duas*.
[2106] No texto: *co'estas*.
[2107] No texto: *Entences* (sic).
[2108] No texto: *pol-a*. Sen signos de interrogación.
[2109] No texto: *antr'a, mail-o*.
[2110] No texto: *car'ó lugar*.
[2111] No texto: *pr'á veiga, e n'ela xá*.
[2112] No texto: *hastr'a*.
[2113] No texto: *Cérto*.

Se il lle non abre o portelo [2114]
elí nada había pasar,
pro, il botouse de conta: [2115]
"o Pascasio pagará
o millo que coa sequía [2116]
a miña veiga n'ha dar".
- ¿E ti, cómo te enteirache [2117]
do conto?
- Pois, pola irmá [2118]
do Trillado da Povanza, [2119]
que estaba no piñeiral [2120]
acadando frouma e viuno.
Boeno. Pódeste marchar.
Pois, esí lle foi o conto;
nin lle houbo menos, nin máis. [2121]

CONSEDERANDO: que se non lle abrira [2122]
ás vacas o portelo que lle abriu, [2123]
o dano que figueron non farían
i a perda non sintira que sintiu.
CONSEDERANDO: que é faguer ladroas
unhas vacas que tiñan no lugar
sona de seren, fóra a ialma, honradas [2124]
e que agora de selo han de deixar. [2125]
CONDENO a Xan da Pena á perda inteira [2126]
dos danos que sofriu; con máis pagando [2127]
sasenta reás de multa que lle impoño
por lixa-la moral do noso gando. [2128]
Esí por esta miña gran senténcea,
que se ha xusgar coma defenetiva, [2129]
o pronuncio i o mando. Fecha "ut supra". [2130]
(Hai us guiciños, dunha raia enriba). [2131]

* * *

O cura insulta ó caseiro [2132]

O cura tiña un caseiro que tiña catro fillos; e foi coas vacas e deixoulles comer na horta do cura, e o cura riñeulle e chamoulle Pedro Comello. E o caseiro veuse pa casa onda súa muller e díxolle:

- O cura chamoume Pedro Comello.

E díxolle a muller:

- Pois cala, lévame alá onda el que lle vou dicir eu, voulle a contestar ó cura porque te chamou Pedro Comello.

E díxolle:

- ¡Lambón dos meus polos, pai dos meus fillos todos, pai do meu Andrés e dos outros tres! —díxolle a muller.

- ¡Vente! —díxolle o marido— *Contestácheslle ben, xa lle cheghou*.

2114 No texto: *S'íl*.
2115 No texto: *íl votouse*.
2116 No texto: *co'a*.
2117 No texto: *ti, t'enteirache*.
2118 No texto: *pol-a hirmá.*
2119 No texto: *d'a*.
2120 No texto: *qu'estaba n-o*.
2121 No texto: *ll'houbo*.
2122 No texto: *ll'abrira*.
2123 No texto: *ll'abriu*.
2124 No texto: *for'á y-alma*.
2125 No texto: *qu'agora*.
2126 No texto: *d'a Pona* (sic).
2127 No texto: *d'os*.
2128 No texto: *lixal-a, d'o nóso.*
2129 No texto: *s'ha*.
2130 No texto: *y-o*.
2131 No texto: *d'unha*.
2132 CNC:394. Recollido en Nogueira, Ourense, de Consuelo Alonso Ameijeiras, de 70 anos de idade en 1997.

9.11.5. Estragos na corte

13281 **restoballo** *s.m.* Restos de herba que o gando deixa no presebe. (ERG).

13282 **amastrullar** *v.* Pisar [a propia comida] [o gando] que xa está farto de comer. ... *aínda a risco de amastrullar a comida cos seus pezuños ou esmaranfallala ou esmerfellala* (LG). (Acevo, LG).

13283 **esmaranfallar** *v.* Ver ESMARFALLAR /13284. (LG, Piquín).

13284 **esmarfallar** *v.* Esparexer [a comida] [o gando]. (LG, Piquín).

13285 **esmourear** *v.* Estragar ou derramar [o gado vacún] [as portas e os taboados] dando golpes coas cornas. (Parade.).

13286 **restroballar 2** *v.* Non aproveitar ben [o gando] [o penso que se lle bota]. (AIA).

13287 **rostroballar** *v.* Ver RESTROBALLAR 2 /13286. (Xun2).

13288 **sotromellar** *v.* Consumir sen tino [a forraxe reservada para o gando]. (SCilla).

...Ai Antonia, malo raio te deixara sin fuciños,
trai un pouco d'herba seca pra dar estes becerriños
Chégate p'atrás, Marela, seica 'stás mui deseosa,
quérelo comer ti todo e non déixar prá Garbosa;
¡que conexada de vaca, veñ'o diablo que te leve! [2133]

9.11.6. Da-lo gando a outros a alimentar

A forma habitual en Galicia de cria-lo gando é a de manter cadaquén o seu propio gando. Pero en propietarios ricos foi frecuente contratar con xente máis necesitada a cría do gando, mantendo o dono a propiedade e repartindo os beneficios co criador. Chamábase *parcería, parceiría, gaanza, ganancia* ou *gando a medias*.

No século XVII a parcería parece que chegaba ó 40% das reses bovinas do litoral e ó 30% do interior, sendo o baixo clero rural o grupo máis dedicado ó negocio da gaanza [2134]. Segundo os datos do catastro de Ensenada, mediados do século XVIII, era moi extensa pero con enormes variacións: 7% en Navia de Suarna, 10% en Cenlle pero 31% en Rois; e tamén había variacións por parroquias: dentro do mesmo concello de Rois na parroquia de Ermedelo era o 60% e en Leroño o 49% (CGP10:256-257). No século XX, en cambio, a proporción xa era moito menor.

Rodríguez Cruz (Tras. [2135]) di que as *vacas a medias* eran dun propietario que podía ter moitas e que llas daba a coidar a outra persoa. O que recibía a vaca (ou as vacas) mantíñaas nos seus prados, traballaba con elas etc. A vaca era valorada nunha cantidade. Se acaso morría a vaca por calquera cousa, o que tiña a vaca a medias debía pagarlle a metade do valor do animal ó propietario, *axudándolle á perda*. Se a vaca era vendida, o propietario recuperaba o valor inicial de taxación da vaca e o importe da revalorización (a *ganancia*) repartíase, metade por metade, entre o propietario e o coidador [2136]. A ganancia da venda dos becerros era repartida ó medio entre as partes e o leite era para a persoa que coidaba a vaca.

No Lugo de 1669 prohibíase a usura no sistema do gando á ganancia, obrigando as persoas que coñezan os que a practiquen a denuncialos ante o bispo:

> *O si sabeis de algunos tratantes usureros, así como dar bueyes, vacas, ó obejas, ó otro qualquier ganado á no morir; para que pagando el que lo recibiere la renta de ello en cada un año, en fin del arrendamiento, lo haya de bolver á su dueño, de la mesma edad que lo recibió* (MMS: 259).

[2133] Zolle:237. No orixinal destes versos hai unha serie de tiles anómalos que corriximos. No texto: *d'erba, Chegaté pa tras, conéxada de baca, quereló, beñ'o diablo que te lebe.*

[2134] JMPG: 159.

[2135] Comunicación persoal o 20.01.2005.

[2136] Así, se nun principio a vaca era valorada por exemplo en 20.000 pta, e despois era vendida en 30.000 pta, o propietario recibía 25.000 e o que coidaba a vaca recibía 5.000.

9.11.6.1. O sistema de parcería

O contrato de parcería, sexa de terras, de gando ou doutros bens, ten como característica esencial o reparto de beneficios, ou de perdas, na proporción libremente acordada entre as partes. Cando o propietario se asegura unha cota fixa entramos xa nun contrato de arrendamento. Na parcería non existe garantía nin seguridade en conseguir un beneficio. Este risco inherente ós resultados fai que o propietario non poida quedarse indiferente ante os coidados que debe te-lo parceiro e obrígao a manter unha certa colaboración con el.

13289 **aparceiría** *s.f.* Ver PARCERÍA /13291. *Ten ademais unhas ovellas, a xovenca e seique un par de bois, que diz que son de aparceiría, mais el véndeos con algún gaño na feira, e unhas cousas axudan ás outras* (LCA6:331). Eladio Rodríguez describe as condicións do contrato na *aparecеiría do gando* ou pecuaria, así como outras tamén frecuentes en Galicia: *aparceiría agrícola* (na que o propietario cede as terras e maila casa e o aparceiro pon o traballo destas terras), a *aparceiría marítima* (na que o armador pon as embarcacións e tódolos aparellos), e outras menos frecuentes como eran a das colmeas, das viñas ou dos muíños. (ERG, LCA6, ROP1).

13289b **casarío** *s.m.* Sistema de parcería no que o reparto de beneficios vai a medias. *El e a súa familia levan unha explotación na provincia de Lugo en réxime de casarío, unha forma tradicional de empresa na que un socio capitalista e un socio traballador se reparten os beneficios ó 50 por cento* (MAML:80).

13290 **parceiría** *s.f.* Ver PARCERÍA /13291. (ERG).

13291 **parcería** *s.f.* Trato ou convenio dos que van á parte nun negocio. Hai moitas modalidades, interesando, neste caso, a do gando. (MLP).

13292 **aparceiría do gando** *s.comp.f.* Sistema de parcería referido maiormente ó gando vacún. Neste sistema de crianza o labrego que recibe a vaca ocúpase de mantela e coidala, beneficiándose do que produce e do seu traballo, pois as ganancias, que se reparten a medias, só se obteñen das crías vendidas ou da diferenza do prezo da vaca cando se venda respecto ó seu valor inicial. Sendo con moito a máis común a parcería de gando vacún, tamén se practicou o mesmo sistema con ovellas e cabras, e mesmo con porcos. (ERG).

13293 **aparceiría pecuaria** *s.comp.f.* Ver APARCEIRÍA DO GANDO /13292. (ERG).

13294 **contrato de medias** *s.comp.m.* Sistema de cría de gando en parcería. *É moi corrente o igoal que nas terras o contrato de medias ou aparceiría*. (ROP1:53).

13295 **alugar** *v.* Dar a outro [o gando] para que o coide. (Burón, Suarna).

13296 **emparceirar** *v.* Convir con outro ou outros unha parcería de gando. (ERG).

13297 **poñer 2** *v.* Dar a outro [o gando] para que o críe en réxime de parcería. *-Pois eu tamén lle vou a embargar o gando pra que non corra bolina. -¡Vamos, que ti non perderías moito, inda perdeses o gando! ¿Canto tempo fai que llo tes posto? -Oito anos. -¿E canto che costaron? -Custáronme sasenta e oito pesos os bois, trinta e catro unha vaca, trinta e sete outra ....* (XdM:136).

13298 **axudar á perda** *loc. v.* Obriga que asume o parceiro fronte ó dono do animal que teñan a medias de pagarlle a metade do seu valor no caso de que a vaca morra. (Tras.).

13299 **coller a medro** *loc. v.* Criar [unha vaca] a medias, entregando ó seu propietario a parte dos beneficios que se estipule no contrato. *En Caldas de Reis estabreceuse unha sociedade pr'asegurar o gando. Como cando morre unha vaca solasmentres perden os probes labradores que as collen á medro, e como d'estes nagocios non s'acupan os ricos, penso de min que a idea non vai ir á remo. Pol-o menos aqueles que teñen cartos non ll'emprestarán axuda, pol-a razón de que se trata d'asegurar perdas que xa teñen aseguradas*. (AN11:7).

13300 **criar á gananza** *loc. v.* Arrendar [o gando] [a alguén] para que o engorde e despois ir a medias nos beneficios. (VLLM).

13301 **dar a medias 1** *loc. v.* Ver POÑER A MEDIAS /13309. (Com1).

13302 **dar ganancia** *loc. v.* Dar a outro [o gando] para que o coide. Dado que esta é a única localización desta entrada e que, en cambio, é ben común o sintagma *á ganancia*, sospeitamos que se pode tratar dunha errata por *dar á ganancia*. (Com1).

13303 **estar á comuña** *loc. v.* Practicar un sistema de arrendo de gando entre propietario e o gandeiro ou colono. *A propiedade da copia pode estar compartillada: 'estar á comuña' ou 'á roga' ven a ser o arrendo da vaquería entre propietarios e parcioneiros ou colonos. Incluso, ás veces, irrompe un animal foráneo, que anda ceibe: é o chegado, o que no Far West norteamericano -tan publicitado gracias á "Sétima Arte"- se denomina "maverick". O gando mostrenco,*

que deambula po-las inhóspitas serras, é o 'notorro' (LG:15.03.1998). (Burón, LG).

13305 **estar á roga** *loc. v.* Ver ESTAR Á COMUÑA /13303. (LG).

13306 **ir á media** *loc. v.* Ver POÑER A MEDIAS /13309. (Pont1).

13307 **ir ás medias** *loc. v.* Ver POÑER A MEDIAS /13309. (CP).

13308 **levanta-lo pé** *loc. v.* Recupera-lo propietario, no gando a medias, o diñeiro de compra do animal. O pé é o que custou a vaca no momento de mercala. *N'as terras os caseiros pagan o diezmo e no gando os donos levantan o pé* (ROP1:53). Otero Pedrayo non ofrece a definición pero en Xunqueira de Ambía ese é o significado desta locución segundo informa Xun3 e Xunqueira de Ambía é terra non moi afastada de Amoeiro. Pero Ctel6 di o seguinte: *Quen compra unha vaca e lla dá a outro á ganancia, cando venden os becerros, recolle a metade do valor de venda dos becerros (e niso xa cobra os intereses do capital) e, cando deciden vende-la vaca, o propietario recupera o que pagou para mercala pero sen intereses ningúns*. Ctel17 engade: *E o que pasaba arriba do prezo inicial, partíano a medias; e, se non daba o que custara, tamén partían as perdas. E algúns aínda lle facían parti-la ganancia do leite: aquí houbo uns, Dios llo perdone, pero tamén ninguén chorou por eles*. En Caritel *ter (un) pé* significa ter unha base minimamente sólida para emprender un negocio. *A Fulano foille moi ben, pero tiña pé. Mengano, en cambio, non o tiña. Se a un fillo os pais o axudan a poñer unha tenda, el xa ten un pé* (Ctel2). (Ctel6, Ctel17, ROP1, Xun2).

13309 **poñer a medias** *loc. v.* Arrendar a outra persoa [o propio gando] para repartir a medias o produto que dea. *A meiga por estes oficios de barrufeira, xa sacara algo, anque pouco, pois don Policarpio era tan abundante como pelo de oso, e o amo tíñalle postas a medias dazaseis vacas, dez bois* [...]*, e con rédetos dunha peseta por peso ó mes dous mil reás* (XdM:68). *Pode tratarse de terras ou de gando: unha veiga posta a medias é a que se cede a outro a cambio da metade do producto. Unha vaca posta a medias é a que o propietario cede a outro a cambio da metade do valor das crías; cando se vende a propia vaca, o dono ten dereito ó prezo inicial, se o dá a venda, e se a vaca morre, o dono non cobra nada* (XRC). (XdM, XRC).

13310 **poñer en cabana** *loc. v.* Arrendar [as vacas] a unha persoa para que as alimente indo a medias nas ganancias. Ver CABANEIRO 2 /13323. ERGa recólleo na entrada *cabañeiro*. (Lan.).

13311 **ter a medias** *loc. v.* Criar [gando] co sistema de un poñe-lo traballo e outro poñe-lo animal repartindo os beneficios ó 50%. (Hermi.).

13312 **ter de mesturas** *loc. v.* Ter [un prado, terras de labor ou gando] a medias con outro, en réxime de parcería. (Parade.).

13313 **ter gado botado** *loc. v.* Mante-lo gando doutro nas terras e corte propias, repartindo logo as ganancias a medias ou á parte. (Parade.).

13314 **ter gado posto** *loc. v.* Ver POÑER A MEDIAS /13309. *[...] y-outro, Xan Paz, de Lagoa, que tiña gado posto en máis de doce parroquias, oito greas, centos de fanegas e obrigas e cinco medas de palenque n-a y-aira*. (Mondo4:130).

13315 **á gaanza** *loc. adv.* Ver Á GANANCIA 2 /13316. (VLLM).

13316 **á ganancia 2** *loc. adv.* Repartindo os beneficios na forma apalabrada, e non a medias. Utilízase como sistema de parcería de gando. (ERG, Saln5, Toba).

13317 **a medias 2** *loc. adv.* Repartindo beneficios metade por metade. Utilízase como sistema de parcería do gando. (Común).

13318 **á parceiría** *loc. adv.* En réxime de parcería. *[...] pol-o cal resolveu montar a taberna para ir tirando, axudado por unhas vaquiñas que tiña á parceiría mais uns cartiños que tiña en boas mans, con moito secreto a un dés por cén*. (GB1:118).

13319 **á parte** *loc. adv.* Ver Á GANANCIA 2 /13316. (Parade.).

13320 **ás medias** *loc. adv.* Ver A MEDIAS 2 /13317. (CP).

13321 **de medias 2** *loc. adv.* Ver A MEDIAS 2 /13317. *A corte está destinada a meter a xugada (qu'en moitos casos e de medias), y'o burro ou a besta, etc.* (Sandiás:166).

¿Parcerías? Coa muller; e, ás veces, aínda hai que ver. (ZM:194)

9.11.6.2. Os actores do contrato de parcería

13322 **aparceiro** *s.m.* Ver PARCEIRO /13327. Algúns informantes parecen referilo realmente só a un dos dous contratantes: para Rivas Quintas (ERQ2) é quen dá o gando *a medias*, repartindo os beneficios tamén *a medias*. Para Luís Giadás (LG) é o gandeiro que coida o gando que o propietario lle deixa, a cambio dun reparto establecido dos beneficios. (ERG, Gud6, LG).

13323 **cabaneiro 2** *s.m.* Persoa que ten o gando doutro na corte a cambio dos seus produtos ou dun tanto na ganancia das crías. Rivas

Quintas (ERQ1) defíneo como "vago, holgazán, vagabundo [...] Persona que vive pobremente en una *cabana*". Esta voz e mais *cabañeiro* teñen a mesma ambivalencia que ten *aparceiro*. (Piquín).

13324 **colono** *s.m.* Ver PARCEIRO /13327. (LG).

13325 **criadeiro** *s.m.* Persoa que cría unha ou máis vacas que non son súas e que as ten *a medias* ou *á ganancia*. (ERG).

13326 **criador 2** *s.m.* Ver CRIADEIRO /13325. (Saln5, Vala.).

13327 **parceiro** *s.m.* Persoa que vai á parte con outros nalgún contrato de parcería. *Foi na feira do nove. Vin unha vaca do meu gosto; cheguéime a ela e compréina. Collína e deilla a unha parceira que tiña eu no lugar veciño* (GB2:107). (ERG, GB2).

13328 **parcioneiro** *s.m.* Ver APARCEIRO /13322. (Laxe).

13329 **postor** *s.m.* Propietario do gando, que o cede a outro para que o coide a medias. (Vala.).

13330 **vinculeiro** *s.m.* Propietario que ten con outros gando á ganancia. (VLLM).

13331 ***cabañeiro** *s.m.* O noso informante defíneo como o dono dunha ou máis vacas que as cede a medias a outro. Ver CABANEIRO 2 /13323. "El que da vacas a medias, es decir, el dueño de una o varias vacas que las entrega a otro más pobre para que las cuide y alimente, dividiendo a medias las ganancias". (Lemos2).

13332 ***tenedor** *s.m.* Persoa que coida as vacas doutro con quen vai a medias ó vendelas. (Toba).

9.11.6.3. O gando obxecto da parcería

13333 **posta 2** *adx.* [Vaca] que, sendo propiedade doutro, un labrego cría á ganancia. Obviamente tamén se usa a forma masculina referido a *boi*, *becerro* ou *gando*. *Ai na provincia de Pontevedra había un matrimonio, que vivían pobres. Tiñan unhas vacas postas e vivían nunha casiña mísera* (DBP2). *Un vello, dado / d'ámba-las éngoas, / pisando toxo, / por n'haber herba, / prá vaca posta / cinc'horas leva. / Suda, meu probe, / sud'e rebenta, / mentres alento / pra tanto teñas, / que ó fin i ó cabo / tamén t'espera, / prás boqueadas / poder dar nela, / unha empallada / limpiñ'e fresca, / si chea de pollos / non estivera* (ANV6:23). *Pro si eles viven tan mal, consoládevos que vivirán mellor os do gando que teñen posto. Coa mitade do preduto que dan ó amo, poden folgar e encherse eles; a outra mitade fai falla pra paga-la renta e pra compra-lo saial prós calzós e chaquetas* (XdM:154). Aínda que en nota a rodapé XdM di que os que teñen *gando posto* son "os donos do gando, os que o mercan pra dárllelo a coidar ós labregos", o sentido do texto inclúe obviamente os outros parceiros e refírese máis ben a eles. (ANV6, DBP2., Muga2, XdM).

13334 **á ganancia 1** *loc. adx.* Ver A MEDIAS 1 /13335. *Teño unha vaca á ganancia,/ que ma deu o vinculeiro...* (DBP:292). (Común).

13335 **a medias 1** *loc. adx.* [Vaca] que se entrega a outro para que a coide, indo a medias nos beneficios. *Xan e Farruco eran dous compadres, que si non tiñan vacas á medias, levábanse ben d'abondo pra viviren como d'a familia* (An8:3). *Gado na casa e multitude de cabezas 'a medias' compuña o capital destes homes* (Friei.:198). (Común).

13336 **de carne** *loc. adx.* [Becerro] que se daba a medias (ou calquera outra fórmula de parcería) para criar para carne, non para vida. (Saln5).

13337 **de leite** *loc. adx.* [Vaca] que se daba a medias ou quedando o dono co becerro e o criador co leite que dera. (Saln5).

13338 **de medias 1** *loc. adx.* [Gando] criado en sistema de parcería: o propietario cede a outro a vaca para que a críe a cambio duns beneficios que se contratan (aproveitamento do leite, da forza de tiro ou, por veces, da participación no beneficio da venda dos becerros que nazan). (Gud5, Tras.).

A gado posto e xente de seu logo se chega. (Muga2) [2137]
Á vaca alugada enxóitanlle os tetos. (VLLM:1,131) [2138]
Á vaca emprestada, os tetos se lle secan. (VLLM:1,131) [2139]
Vaca alugada, tetos enxoitos. (VLLM:1,154)

[2137] Desgraciadamente, resulta moi fácil que che veñan a pobreza e os moitos fillos.
[2138] Llópiz explica *alugada*, "*alquilada*"; di que se aplica ó ignominioso abuso dos que a explotan.
[2139] Llópiz di que é pé dun debuxo de Castelao.

Vaca á gaanza, angueira de vinculeiros. (VLLM:1,154) [2140]
Vaca allea, ben muxida e mal chea. (VS)
Vaca allea, mal mantida e ben muxida. (VS)
Vaca de dous donos, nin dá leite nin come grao. (SCD:89) [2141]
Vaca de moitos, ben monxida e mal mantida. (SPP:279)
Vaca de moitos, ben moxida e mal mantida. (EAG:31; MVN; MVN2:102; VS) [2142]
Vaca de moitos, ben munguida e mal mantida. (XLF2:68)
Vaca de moitos, ben munxida e mal mantida. (ERG:vaca)
Vaca de moitos, ben muxida e mal mantida. (XTC4; ACC; ZM:244) [2143]
Vaca de moitos, cómena os lobos. (Carb-L:195; XLF2:68; Curro; VS) [2144]

Teño unha vaca á ganancia
que ma deu un vinculeiro
mais sobre todo, rapaza,
téñoche moito diñeiro. [2145]

Unha vaca a medias [2146]

Hai máis de cincuenta anos que morreu en Abegondo un home ben renarte. O nome del era Xan das Cebolas e a pouca terra que tiña non lle daba máis que para ir malvivindo.

Un día atopou na feira ó seu veciño Luís "O Peterolo", que lle tocaran uns miles de pesos na lotería. E a Xan das Cebolas veulle á idea facer con el un negocio para ver de saír da súa miseria. E foi e díxolle:

- *Peterolo, haiche alí unha cuxa que podiamos mercar a medias. Ti po-los cartos e eu a corte e mailo coidado.*

A Luís pareceulle ben a idea de Xan, mercou a vaca e entregoulla en aparceiría.

Pero ó outro día Xan, díxolle:

- *E, tesme que dar vinte pesos para o penso da vaquiña*.

E así, tódalas semanas, ata que o Peterolo, incomodado, dixo:

- *¿E non quedaramos en que a cuxa ía a medias?*

Para saír do apuro, Xan das Cebolas contestou:

- *Tes moita razón, Luís, pero dáte de conta de que a ti tocouche a parte de diante da vaca*.

O cura, o sancristán e a vaca [2147]

Dunha vez era un cura e un sancristán, tamén, e tiñan unha vaca de medio. E despois, un quería a vaca, o outro quería a vaca, e outro quería a vaca.

E díxolle o cura:

- *Pois nada, home, nada. Mira* —o cura tiña un pino moi grande frenta a…, onda a casa, frente á ventá da habitación da criada—, *o primeiro que estea alí ó rompe-lo día, leva a vaca.*

- *Moi ben.*

[2140] Llópiz recólleo en Bergondo. Explica que o que a ten na súa corte rouba unha parte importante da produción do leite, aínda que noutro lugar identifica *angueira* con negocio, e así: *Non hai trampa, non hai angueira*, ou *Terra de angueiras, terra de feiras*.

[2141] *El motivo es que los dos aprovechan la leche mientras que ninguno le da de comer*. No texto: *da*.

[2142] Lémbrese a cantiga que recollemos en 9.3.4.: *Vén a se-lo ayuntamento...* MVN: *mòitos, bèn mojida*. MVN2: *bén mogida*. Vázquez Saco dános esta equivalencia castelá: *Vaca de muchos, bien ordeñada y mal alimentada* (R. Marín).

[2143] O negocio con moitos participantes sempre é malo, termina por esgotarse porque todos coidan do seu. Tamén Chivite recolle esta variante coa mesma intención: *Cunca de moitos, ben lambida e mal lavada*. No texto: *¿Vaca de moitos? Ben muxida e mal mantida* (ZM).

[2144] Eis refráns semellantes: *Uns por outros, a casa por varrer*; *Á casa de moitos donos nunca lle faltan pingueiras*; e máis literal: *Burro de moitos, cómeno os lobos* (ERG:burro), *Besta de moitos, cómena os lobos* (XTC4) ou *Cousa de moitos, cómena os lobos* (UCA2:29). No texto: *muitos* (VS).

[2145] JPBI(7.6)*: â ganancia, m'a*; DBP:292.

[2146] TORRE, baixo o título *Una vaca a medias*. O texto ten a parte narrativa en castelán no orixinal.

[2147] CNC:417. Recollido en Esperante, Taboada, Lugo, de Clara Diéguez Gamallo, de 73 anos en 2001.

Vai o sancristán, en vez de marchar durmir, xa se foi pra o pino. Chegou o cura e díxolle:

- Rosiña, a ver, vamos facer eso porque pasa esto e quero marchar. Se non estou un pedazo máis é porque o sancristán é moi nugallán e...

Daquela, despois o cura iba polo pino arriba xa de madrugada "pin, pan, pin, pan", e o sancristán toseu.

- ¿E ti xa estás aí, ho?

- Xa, xa lle estou aquí desde que usté dixo "entra Carlos en Barcelona".

- ¡Cala, cala, cala! A vaca é túa, vén por ela que a vaca é túa, a vaca é túa.

9.11.7. A veceira

A imaxe dunha persoa, normalmente un vello ou un neno, á beira da vaca que pace, é unha das que máis fiablemente simbolizaban a Galicia rural anterior a 1980. Nun territorio fragmentado en pequenas e numerosas propiedades o gando precisa sempre unha persoa á beira para que non invada terreos doutro propietario, por iso a carón da vaca que pace está sempre alguén que ten a vaca pola corda. Con frecuencia os vellos lembran que un dos momentos de libre convivencia dos rapaces e rapazas eran esas horas nas que cada un levaba o seu gando para zonas próximas e así podían falar e enredar.

Pero en determinadas épocas do ano, maiormente despois das aradas e de bota-lo maio, por veces os veciños acordaban mandar alguén para un monte con bos pastos e coidado por un veciño que levaba o gando de toda a aldea. Iso era a veceira. Tamén era veceira, en certos lugares, o mesmo fenómeno pero realizado en calquera día do ano.

É ben sabido que este sistema de corresponsabilidade comunitaria nos traballos individuais familiares era máis frecuente na Galicia oriental do que na occidental; e máis co gando ovino e caprino ca co bovino. Pero dábase tamén nas zonas altas de Pontevedra e tamén co gando bovino. Por iso o lembramos aquí.

Vexamos unha descrición complementaria do que acontecía nos Ancares (Ancares:385):

A última vez que subiu o gaun ás brañas foi na década dos setenta, por iso os máis dos homes que andan polos corenta/cincuenta anos pasaron varias noites coidando dos animais... As vacas cos seus xatos, xatas e xatíus botaban arriba varios meses, tradicionalmente dende o San Miguel de maio (día 8) ata o san Miguel de setembro (día 29).

Tal data [ó primeiro día] era coñecida como a Festa das cabanas ... a festa non consistía unicamente en comer e beber e logo cantar e bailar ó son da pandeira ou dalgunha gaita, senón que tamén se celebraban pelexas de touros. Os asistentes apostaban cántaras de viño (sobre 16 litros) polos mellores exemplares. Moitas veces a festa remataba mal, enfrontándose uns cos outros, porque habia quen lle afiaba os cornos, xa que estaba moi ben considerado socialmente que gañase o touro dunha casa, amosando así que tiñan bo gando e que o mantiñan ben.

Aquela noite xa durmían no monte os dous ou tres primeiros mozos ós que lle tocaba a viceira. Era unha angueira exclusivamente para os homes, anque polo día tamén subían mulleres para munguir algunha vaca, como o proba a seguinte cantiga recolleita en Pereda:

Las brañeras en la braña
dan la leche a los galanes,
y van diciendo para casa
que la maman los 'tenrales'.

Cada quenda duraba 24 horas e os cambios facíanse á noitiña... Cada persoa botaba unha noite por cabeza de animal que tiña na braña.

Algo disto aínda cordan os vellos de Caritel, que ían co gando á Chan das Pipas ou a máis lonxe.

13339 **quenda** *s.f.* Tempo determinado por acordo entre veciños no que cada un deles está obrigado a leva-lo gando de todos a pacer. (Piquín).

13340 **rolda** *s.f.* Ver VECEIRA 1 /13342. Ú. t. a loc. adv. *á rolda*. *Algúns anos organizouse a 'garda do gando' (chamada noutras latitudes 'a veceira', no Bierzo 'la vecera'), á rolda, entre os veciños. Consistía en ir, unha soa persoa, co gando de dez familias, para o monte comunal rotándose cada día*. (Cañiza3:175).

13341 **ronda** *s.f.* Ver VECEIRA 1 /13342. (Ver1).

13342 **veceira 1** *s.f.* Quenda entre os veciños para leva-lo gando ó monte. Mariño Ferro explica que cada veciño coida por quenda, *veceira*, o rabaño comunal, pero aplícao principalmente a ovellas e cabras. O número de días que lle toca a cada quen vai en proporción co

número de animais que achega ó rabaño. L. Prieto explica que, en Viana do Bolo, cada veciño debe mante-lo pegureiro e mailo seu can contribuíndo co sustento de tantos días como decenas de animais teña. Tamén aplica este sistema de pastoreo só ó gando lanar e cabrío (ERGa). (Bolo2, Gud., Mez., Ped1, Suarna, Ver1, XLF, XRMF1, XRMF4).

13343 **velilla** *s.f.* Quenda, vez da veceira. Nicolás Tenoiro aplícao especificamente ó pastoreo de gando miúdo. *Es costumbre, que el dueño de siete cabezas ha de mantener un día al pastor y los perros del rebaño y poner el zagal, que llaman 'costeiro', cuando le toca la ronda o 'velilla'* (NT:62). (NT, Viana2).

13344 **viceira 3** *s.f.* Ver VECEIRA 1 /13342. *A organización deste aproveitamento do inculto basábase na chamada 'viceira' -institución que tamén existía en terras próximas de Asturias, Galicia e León-. Por riguroso turno, e en función do número de cabezas, todas as casas do lugar tiñan que contribuír ó cuidado dos animais, normalmente a razón de dous pastores por rebaño* (Ancares:142). *Nelas* [nas brañas] *existe unha única construcción -o 'cabano'- que usan para dormir todos os que soben a facer a 'viceira' (ou 'veceira') para gardar o gando* (Ancares:380). (Ancares, Mra.).

13345 **comunidá de pastoreo** *s.comp.f.* Sistema de pastoreo do rabaño comunal por quendas entre tódolos veciños. (ERG).

13346 **garda do gando** *s.comp.* Ver VECEIRA 1 /13342. *A garda: Algúns anos organizouse 'a garda do gando' (chamada noutras latitudes 'a veceira', no Bierzo 'la vecera') á rolda, entre os veciños. Consistía en ir, unha soa persoa, co gando de dez familias, para o monte comunal rotándose cada día*. (Cañiza3:175).

13347 **apastorao** *adx.* [Gando] conducido por pastores. (VGR).

13348 **aquendar** *v.* Establecer quendas para a obriga de pastorear [o gando]. (Piquín).

13349 **aveceirar** *v.* Establecer quendas entre os veciños para coida-lo gando. (Suarna).

13350 **avezar** *v.* Levar ou botar [as reses] á veceira. No Bierzo Alto anúnciase tocando as campás. (VGR).

13351 **desaveceirar** *v.* Suprimi-la veceira. (Suarna).

13352 **bota-la veceira** *loc. v.* Ceiba-lo gando ó pasto. "En Cobas y en Pixeiros también las tocan [as campás] para *botar a beceira*" (refírese ás parroquias de Covas e Pexeiros do concello dos Blancos). (MMC2:250).

9.11.8. Arreda-lo gando de algo

Non imos incluír aquí tódolos elementos fixos (como muros, valados ou sebes) que impiden que o gando saia do terreo prefixado polo gandeiro para que paza sen molestar propiedades alleas senón só aqueles elementos ou accións máis específicas. Incluímos como curiosidade moderna o pastor eléctrico.

13353 **aqueda** *s.f.* Acción de dete-lo gando que se separa do resto do rabaño. (VGR).

13354 **pastor eléctrico** *s.comp.m.* Instalación que consta dun cable conectado a unha batería e que se instala arredor dun pasteiro para impedir que fuxa o gando, que se detén ó recibir unha forte pero brevísima descarga eléctrica. (DRAG2).

13355 **abardar** *v.* Pechar [unha leira] provisoriamente para que non entre nela o gando, amoreando toxos ou silvas onda os valos. (ERG).

13356 **apartar** *v.* Tornar [o gando]. CarbCo escribe *apartar o jando*. (Borre., CarbCo., Fol-LE, Lampón, Lucí, Rama., Razo).

13357 **apaxoar** *v.* Arrecadar [o gando]. *Apaxoa pra aquí o ganado*. (Cha.).

13358 **aquedar** *v.* Arredar [o gando] de algo. Gud5 define como "coidar ou parar o gando cando foxe". (Carr-G, Gud., Gud5, Vald., Ver5).

13359 **ardar** *v.* Tornar [o gando]. A nosa fonte escribe *ardar o jando*. ¿El virá de *ghardar o ghando*? (Estr4).

13360 **arrebatar** *v.* Deter [o gando], facerlle cambia-la dirección que levaba. (Lim2).

13361 **arrebater** *v.* Ver ARREBATAR /13360. (Ancares2).

13362 **arredar 1** *v.* Tornar [o gando]. (Abe.).

13363 **arrellar 2** *v.* Coidar que [un animal ou persoa] vaia por onde debe. (CP, ERG).

13364 **arremescar** *v.* Ver ARREBATAR /13360. (Ancares2).

13365 **arrombar 2** *v.* Tornar [o gando]. (Morga).

13366 **axotar** *v.* Tornar [o gando]. A nosa fonte escribe *axotar o jado*. (Tabor.).

13367 **bardar** *v.* Ver ABARDAR /13355. (ERG).

13368 **botar 2** *v.* Tornar [o gando]. A nosa fonte escribe *votar*. (Cervá1, Cervá2).

13369 **catar 3** *v.* Vixiar [o gando] para que non entre nas fincas alleas. *Nena, vai-me catar o gado*. (Parade.).

13370 **correr 1** *v.* Facer correr ou perseguir [unha persoa ou animal] para que fuxa. Aplicado ó gando, faise para afastalo dun lugar onde non debe estar. Tamén se aplica a seres humanos,

por exemplo, os mozos dun pobo corren os de outro. Considérano unha valentía. A *corrida* organízase co gallo dalgún festexo ou no antroido. (Arcos).

13371 **coutar 3** *v.* Suxeitar, reter [o gando] nun sitio. *Non dan coutado o gado*. (Xun2).

13372 **desviar** *v.* Tornar [o gando]. (Alla2).

13373 **entornar** *v.* Ver TORNAR /13385. (Ancares2).

13374 **escarramuxar** *v.* Escorrentar [o gado]. (Parade.).

13375 **escorrentar** *v.* Botar [o gando] dun terreo. Aplícase incluso ás galiñas. (ERG, Redo.).

13376 **esgarrear** *v.* Escorrentar [o gado]. (Parade.).

13377 **espaxotar** *v.* Asombrar con berros e xestos [os animais] para botalos de algún sitio. (LimiaB).

13378 **esponiar 1** *v.* Xesticular cos brazos [unha persoa] maiormente para espantar unha res. (Piquín).

13379 **esquillar** *v.* Ver ESPONIAR 1 /13378. (Muras).

13380 **estremar 2** *v.* Tornar [o gando]. (Abe.).

13381 **gardar 1** *v.* Coidar [o gando] en canto pace, procurando que non vaia pacer a onde non debe. *Veciños, pared por medio, gardaban xuntos o gando, e daquelas soedades da serra, daquelas saudosas melanconías das tardes invernizas en que xuntos se abrigaban da chuvia baixo o mesmo mantelo, quedara no peito algo así como cariño de irmáus, que máis tarde cicáis se trocaría* (HPP:178). *Unha vez cantaba un mozo que estaba gardando o gando no fondo dunha valigota. A súa voz era coma o soído do punteiro; o eco que devolvían as encostas, o xordo bruar do roncón. Naquila cántiga choraba toda a paisaxe* [...] *Mais ista xente é moi pouco cantareira* (Cou3:23-24). *Estaba gardando as vacas/ na tapada da naveira/ Sabeliña do Picouto,/ a máis feiticeira nena...* (PL7:109). *... cando salíamos da escuèla pola tarde tiñamos qu'ir coas vacas p'ó monte, a ghardalas vacas ó monte* (Lourei2). (Barro,CLam3,Cou3, HPP, Lourei2, Parade., PL2).

13382 **quitar 3** *v.* Tornar [o gando]. (Valad1).

13383 **sacar 3** *v.* Tornar [o gando]. (Val-LE).

13384 **separar** *v.* Tornar [o gando]. (Barre., Cunt2).

13385 **tornar** *v.* Vixiar [o gando] para impedir que entre en propiedades alleas, dirixíndoo a onde queira o pastor. *Torna daquel lado. O gado despois de 'vezar' as hortalizas ou calquera fruito é mao de 'tornar' (arredar) da horta e dos cerrados. O gado despois de vezar as berzas non hai quen o torne da horta* (Parade.:279). As nosas fontes en Bas. e Ribe2 escriben *tornar o jando*. (Común. ILG:197 (C:91, LU:37, OU:22, PO:46, GExt.:1)).

13386 **tornare** *v.* Ver TORNAR /13385. (Bar-Co., Leir-A).

13387 **truar** *v.* Tornar [o gando]. (Vcova).

13388 **xotar 2** *v.* Ver AXOTAR /13366. (Guil2).

13389 **xutar** *v.* Ver AXOTAR /13366. (Oliv.).

13390 **dar volta** *loc. v.* Evitar que [o gando] entre en terras de labor ou en propiedades alleas. (Arzón).

Ver no cap. 13. *Todo é coma unha vaca*, cantigas das series: *Canta cuco, canta cuco*... ou *Nunca vin esta-lo cuco*...

Amiguiños si, mais a vaquiña polo linde. (Gro5) [2148]
Anda o gado polo millo e durme durme o peguriño. (VLLM:2,90) [2149]
O pegureiro dormido e as vacas cabe do millo (VLLM:2,90)
O pegureiro dormido e o gado cabe do millo (VLLM:2,90) [2150]
Ao pastor que moito se gaba, o demo lle linda as vacas. (VLLM:1,130) [2151]
Boi ceiba pero onde ti o vexas. (VLLM:1,133) [2152]
Boi ceiba, mais anda ti ás beiras. (VLLM:1,133) [2153]
Deus che dé vacas e mais fillos para lindalas. (VLLM:1,139)
Deus che día vacas e fillos para lindalas. (VLLM:1,139) [2154]
Mozas loucas e por casar, mal gando é de gardar. (XMSM:48)

[2148] Variante: *Amigos, amigos, pero a burra á linde* (LT2:69).

[2149] Llópiz recólleo en Nespereira de Pantón.

[2150] Llópiz di que xa está en Duarte Nunes de Leão.

[2151] Llópiz recólleo en Sober (Lugo) de F. Carballo; explica que expresa o difícil que resulta lindar ben as vacas en Galicia, polo tipo de pastos que lles hai que procurar, para que non se metan en minifundios e devesas, para que non caian por barrancos, para tornárlle-los animais que as atacan e para que fuxan dos sitios intrincados etc.

[2152] Llópiz: *Bois* (incompatible co posterior pronome *o*), *ceivas*; recólleo en Sarria de J.M. Agromayor.

[2153] Llópiz: *Boi ceiva, mais...anda tí âs beiras*; recólleo en Santigoso de S.A.

[2154] Llópiz recólleo en Santa Uxía de Lobás (O Carballiño).

Mozas tolas e por casar, é mal gando de gardar. (XSL:23; MRL)
Peguriño novo linda mal o gado. (VLLM:2,96)
Xente nova non garda o gado. (VLLM:2,96) [2155]
Si queres durmi-la sesta, eu lindarei, as vacas da miña casa líndoas eu. (VLLM:1,153) [2156]
Solo con verbas tenras non se curia o gando por entre as leiras. (VLLM:2,95) [2157]

San Antoniño pequeno
no monte gardou o gado
todo cuberto de neve,
vestido de colorado. [2158]

9.11.8.1. O portelo

13391 **anguieiro** *s.m.* Porteleiro en zarro por onde foxe o gando. (Neiro).
13392 **boqueira** *s.f.* Boca, porta ou abertura que se fai nas herdades cercadas para entrada do gando. (Caa., Cab., Ced., ERG).
13393 **boqueiro** *s.m.* Ver BOQUEIRA /13392. (Ced., CP, ERG).
13394 **boquela** *s.f.* Paso suficiente para entra-lo gando. En Sob2, se só pasa a xente, chámanlle *boquelo*. (Sob2).
13395 **boquete** *s.m.* Ver BOQUEIRA /13392. (Caa., Cab.).
13396 **buqueira** *s.f.* Ver BOQUEIRA /13392. (Ced., Feás-A, Gui., Vala.).
13397 **buqueiro** *s.m.* Ver BOQUEIRA /13392. (Ced.).
13398 **buquela** *s.f.* Ver BOQUEIRA /13392. (Sob.).
13399 **buquelo** *s.m.* Ver BOQUEIRA /13392. (Sob.).
13400 **carreiro 2** *s.m.* Abertura nun valado ou sebe suficiente para o paso dunha persoa ou animal. (Goián, Razo).
13401 **carril** *s.m.* Ver CARRILEIRA /13402. (ERG).
13402 **carrileira** *s.f.* Paso aberto nun muro para o paso do gando e dos carros. (ERG).
13403 **portal 1** *s.m.* Ver PORTELO /13408. (Razo).
13404 **portal 2** *s.m.* Tranca de madeira que se pon nun paso para impedi-lo paso dos animais pero non da xente. (Ram.).
13405 **portela** *s.f.* Ver PORTELO /13408. (Dum., Laxe, Mez., Mra., SComba).
13406 **porteleira** *s.f.* Ver PORTELO /13408. (Incio).
13407 **porteleiro** *s.m.* Ver PORTELO /13408. (Com1).
13408 **portelo** *s.m.* Abertura nun valado suficiente para o paso dunha persoa ou dun animal. (Cal., Cod., Com1, Dum., Goián, Gud., Gun., Mra., Nove., Oirós, SComba, Ver1, Vil.).
13409 **portileiro** *s.m.* Ver PORTELO /13408. (Cab., Suarna).
13410 **portilleiro** *s.m.* Ver PORTELO /13408. (Burón).

Nena que gárda-lo gando,
cérrame ben o portelo,
porque o becerro ladrón,
quere brincar no lameiro. [2159]

Nena que gárda-lo gando,
has cerrar ben o portelo,
que o meu becerro ladrón
quere brincar no lameiro. [2160]

Rapaza io teu portelo
atrancaraslle cun ramallo
o meu becerro é veceiro
váiseche botar ao prado.
Se o teu becerro é veceiro
halo de ir arrecadando
o meu prado non ten herba
para mante-lo teu ghando. [2161]

[2155] Llópiz: *gádo*. Recólleo de V. Risco (*Notas para un ref.*).
[2156] Llópiz: *durmil-a*; recólleo de Gabriel M[a] Vergara (1945), e explica que non se debe deixa-la facenda nas mans de ninguén, nin da persoa de máis afecto, podendo un facelo en por si. É o mesmo que aconsella estoutro refrán, máis coñecido: *O que ten tenda, que a atenda e, se non, que a venda* (ERG:tenda).
[2157] Llópiz: *Sólo*, *ténras*, *gândo*, *entr'as*; recólleo de M. Martínez (*Temas del labrador*, Santiago). *Curiar* significa "coidar, gardar, pastorear".
[2158] Capela.:120. No texto: *pequeño, gardóu.*
[2159] MRV:50.
[2160] MRV:50.
[2161] SCHU5/2/193. No texto: *d'ir, tén.*

9.11.9. Arrecada-lo gando

Axunta-lo gando que anda pacendo no campo ou no monte, para levalo de volta á súa corte, ten tamén o seu propio vocabulario. Este é un momento moi atendido polos pintores como se di no inicio do capítulo 13. Pero tamén provoca numerosos versos e relatos: presta ler en 16.1 os versos que Álvarez Limeses titulou *A señora vaca,* os que Crecente Vega titulou *Ei vén o bon labrego,* os de Eugenio Montes *Tornan as vacas para a aldea* e mailo relato titulado *O pequeno i as vacas* de Camilo González Suárez Llanos.

13411 **ameixoada** *s.f.* Lugar onde se recolle o gando. Dise máis das galiñas e ovellas. *...no tempo en que...o gando non pernocta...ó ventimperio na ameixoada, estercadura ou pacedeiro de vixilia*. (LG).

13412 **acurralado** *adx.* Metido no curral. (ERG).

13413 **acadar** *v.* Arrecadar [o gando]. *O gado de noite é mao de acadar*. (Cove., ERG, Parade.).

13414 **acadarmar 2** *v.* Recadar [o gando que anda disperso] para levalo a outro sitio ou xa para a corte. (ERG).

13415 **acamallar** *v.* Reunir [o gando que se dispersou no monte]. *O gado novo non hai quen o acamalle*. (Parade.).

13416 **acortellar** *v.* Meter [o gando] na corte. ERG aplícao co significado de mete-lo porco no cortello ou as ovellas na cortella. (Vala.).

13417 **acurralar** *v.* Meter [o gando] no curral. (ERG).

13418 **acurrular** *v.* Arrinconar [o gando]. (Arcos).

13419 **arrear 2** *v.* Recoller [o gando] do pasto ás cortes. (Ancares2).

13420 **arrebañar** *v.* Arrecadar [o gando]. (ERG).

13421 **arrecadar 1** *v.* Axuntar [o gando que anda pacendo no campo ou no monte]. Preténdese así evitar que se extravíe algún animal. *Estou vendo que é unha cousa moi boa todo iso -ouxetou un dos presentes- porque aquí o que nos compre son rapaces que teñan boas pernas para correr tral-as ovellas e arrecadal-as vacas e as crías das égoas saltando ben os valos e as touzadas de toxos* (GB1:223). *Alí estaba a condanada, moito ó seu gusto, pacendo a bulir. Espetándose na lama do bugallón puido darlle volta e zorregarlle unhas xostregadas, que lle foi repetindo namentras lle dou corrido. Chegóu coila e arrecadóuna coas outras* (GB2:162). *-¿Cál é o terceiro? -Santificar as festas. -¿Quén peca contra ésto? -Todolos labregos, porque aínda que oiamos a misa non podemos gardar a festa, por mor de tornar a auga dos lameiros, de arrecadar o gando, de dar de comer aos porcos, de levar o grau ao muíño, e outras angueiras que non teñen agarda* (FMP:41). (CP, ERG, GB1, GB2, Parade.).

13422 **arrequedar** *v.* Reintegrar ó rabaño [aquelas cabezas que se separaron del]. (VGR).

13423 **arrequeixar** *v.* Ver ARREQUIXAR /13424. (CP).

13424 **arrequixar** *v.* Meter [o gando] na corte. (ERG, LG).

13425 **atropar** *v.* Ver ARREAR 2 /13419. (Ancares2).

13426 **catar 2** *v.* Recoller [as vacas] do monte para traelas á corte. *O outro día foi onda seu pai, na aldea, e non deu con el, porque o seu proxenitor ía cata-las vacas. ... a ese rapaz pódelle dici-lo pai, cando xa chega o serán, unha miguiña antes de que anoiteza: 'neno, vai cata-las vacas', que é o mesmo ca ir por elas, buscalas*. (XCR3).

13427 **choer** *v.* Recoller [o gando que anda a pastar] e pechalo na corte. Luís Giadás explica que este labor adoita deixarse para o máis pequeno da casa, que por tal motivo recibe o alcume de *cerraportelos*. (Barcia, Burón, LG, Piquín, Suarna).

13428 **encortellar** *v.* Meter en cortello á parte [unha res]. ERG dálle o significado de recoller na cortella o gando miúdo. (Piquín, Xun2).

13429 **gardar 2** *v.* Arrecadar [o gando] e metelo na corte ou no abeiro do monte. (VLLM).

13430 **recoller** *v.* Arrecadar [o gando] dos prados e levalo á corte. (ERG).

13431 **dar ganado á corte** *loc. v.* Ver METER NA CORTE /13432. (Piquín).

13432 **meter na corte** *loc. v.* Recoller [o gando] e pechalo na corte. (Gro1).

13433 **non dar terra** *loc. v.* Non dar gardado [as vacas] porque escapan, non as dar recollidas. *Fulanito non dá terra ás vacas*. (Antas4).

13434 **¡á corte, boi!** *fórm.* Fórmula para facer que o gando empece a moverse cara á casa (se está a pacer) ou directamente á corte (se está preto dela). (Grou3).

Ver na epígrafe 12.2. *Prognósticos meteorolóxicos* os refráns da serie *Arco da vella ó poñente...*

A boi vello non lle busques abrigo. (XFV:45; UCA2:22; VLLM:1,142; EAG:6; VS) [2162]
A boi vello non lle mudes de corte. (UCA2:39)
A boi vello non lle mudes de cortello. (VS) [2163]
A boi vello non lle mudes o cortello. (UCA:36.18; ZM:16; VS) [2164]
Ao boi vello non lle cates abrigo. (VLLM:1,129) [2165]
Ó boi vello non lle búsque-la corte, que xa che dará el coela. (ERG:boi) [2166]
Ó boi vello non lle búsque-lo abrigo. (VS)
Ó boi vello non lle busques abrigo, búscallo ó becerriño. (ERG:boi)
Ó boi vello non lle cates achego, porque el vaise ó verde e deixa o seco, mais, se verde non acha, o seco apaña. (ERG:boi) [2167]
A muller e a vaca, con día para a casa. (XMSM:26; XSL:16; ZM:23) [2168]
Abala, pastor, cas costas ao sol. (VLLM:2,78) [2169]
Ao solpor, abala, pastor. (VLLM:2,78) [2170]
Cando se vai o sol, torna o pastor. (VLLM:2,78) [2171]
Cada carreteiro sabe onde garda os seus bois. (VLLM:1,136) [2172]
Cada labrego sabe onde garda os bois/o gando. (VLLM:1,136) [2173]
Cando chega Galo, vacas e bois sin estabro. (XFR:285) [2174]
Cando Galo chega, os bois na corte se estean. (VLLM:1,137)
En outono bota as patacas e garda cedo as vacas. (ZM:97, ZM:273)
En outono levanta as patacas e garda cedo o gando. (NevesC)
Febreiro fai ir as vacas de cu pró eido. (VS) [2175]
Gaivotas ó monte, vellos á corte. (Ribada.)
Gando na corte, pouco leite e queixo forte. (Camb1:47; Castre.; AdC:25; XTC4; VS) [2176]

[2162] Este refrán aparece inserto nun poema medieval de Pero da Ponte (*Cancioneiro da Vaticana* 1162) no seguinte dístico:
E, porén, diz o verv'antigo:
a boy velho non lhi busques abrigo.
Llópiz omite o pronome *lhi*. Este refrán aparece tamén en versos de Johan Soares Coelho (C.V. 284). É sabido que a poesía medieval galega conservada en Portugal ou Italia presenta grafía aportuguesada, cousa que non se dá nas copias que non proceden de Portugal (*Cantigas de Santa María* e Pergamiño Vindel cos poemas de M. Codax).
Bouza Brey, nun ms. inédito da RAG, di que este *insigne monumento de la paremiología gallega* estudouno Carolina Micaëlis de Vasconcellos e que o trae xa a colección do Marqués de Santillana, de 1499.
Álvarez Giménez engade en nota a rodapé: *En castellano hay dos refranes con igual pensamiento: 'A buey viejo no le cates abrigo' y 'A buey viejo no le cates majada, que él se la cata', enseñando su sentido intelectual que no es oportuno dar consejos ni hacer advertencias á las personas de saber y experiencia*. Recordemos tamén a expresión que recolle López Taboada: *Buscarlle a corte ó boi vello: querer ensinarlle algo a quen ten moita experiencia* (LT2:163).
VS comenta: *Porque él se lo busca, como indica una de las correspondencias castellanas (A buey viejo no le cates majada, que él se la cata). Se aplica a los que intentan aconsejar a los experimentados*. E engade os seguintes equivalentes: P.: *A boi velho não cates abrigo* (Chaves); E.: *A buey viejo no le cates abrigo* (Sbarbi), *A buey viejo no le busques abrigo, búscale al becerrillo* (Correas), *A buey viejo no le busques abrigo, porque él se va a lo verde y deja a lo seco, y si verde no halla, lo seco apaña* (Correas).

[2163] Comenta VS que *No es fácil desarraigar añejas costumbres. Se dice lo mismo de las personas: 'al viejo, múdale el aire y te dará el pellejo'*. Engade o seguinte equivalente castelán: *Al buey viejo, múdale el pesebre y dejará el pellejo* (Sbarbi).

[2164] ZM: *de cortello*.

[2165] Llópiz di que coñece a variante *busques* (en Saco y Arce, Carré e Noriega) e que en cast. existe dende Hernán Núñez *Al buey viejo no le cates majada, que èl se la cata*.

[2166] ERG: *búsquela, él co ela*.

[2167] ERG: *él vaise, máis se verde*.

[2168] XSL: *prá*. ZM: *pra a casa*.

[2169] Llópiz: *c'as*; explica que este é un caso de refrán galego que mal apropiaron os casteláns e que se ve en que non entenderon o senso da palabra *abalar* (descender, baixar); recomenda que cando o sol lle dea ó pastor no lombo e á altura del, é dicir, ó solpor (como din refráns paralelos) é cando debe baixar do monte e acomoda-lo gando. Os casteláns danlle o senso de *conducir*, *guiar*, co que non dan atopado o senso do refrán.

[2170] Llópiz: *solpór*; recólleo en Sober.

[2171] Llópiz recólleo na ribeira ourensá do Miño.

[2172] Recólleo de L. Páramo, no Páramo (Sarria).

[2173] Recólleo de E. Gallán en Toques (Melide).

[2174] *Galo* refírese a san Galo que, con san Florentino, festexámo-lo día 15 de outubro, data na que en Galicia adoita empeza-lo outono húmido e frío que impide os traballos do campo.

[2175] No ms.: *ás vacas de c... pro eido*.

[2176] AdC e VS: *pouca leite*.

Nas tardes de marzo recolle o teu gando. (Camb1:47; Castre.; NevesC; VS) [2177]
Tardes de marzo, recolle o teu gando. (ERG:marzo; MV71; XTC4)
O pastor descoidado, á posta do sol busca o gando. (XMSH:75; ERG:pastor; VS)
Tarde ou cedo o gando vai prá corte ou pró cortello. (ERG:gando)

A Virxe de Biduído
anda no monte co gado
e San Martiño de Laraño
andáballo arrecadando. [2178]

Adiós, miña miniña;
que te quero ben é certo;
esta noite hei dormir fóra,
tórname os bois do aberto. [2179]

Amaro perdeu o gando,
a calquera lle acontece;
o gando xa ven pro eido
i Amaro non aparece. [2180]

Paxariño pinto
vai buscal-o gando
e Manueliño
vaille asubiando. [2181]

San Vicente pequeniño
anda no monte co gando,
a virxe de Pastoriza
ándallo arrecadando. [2182]

Atrás daquel coto
hai un boi xoto;
non hai home nado nin por nacer
que na corte o poda meter. [2183]

Atrás daquel coto
hai un boi xoto;
non hai home nado nin por nacer
que na corte o poda meter
e, cando el quere, métese. [2184]

Atrás daquel horto,
hai un boi torto;
non hai home nado nin por nacer
que na corte o poda meter. [2185]

Atrás daquel valado
hai un touro bravo;
non hai home nado nin por nacer
que á corte o poda traguer. [2186]

No monte nace,
no monte se cría
e baixa o gado do coto da guía. [2187]

Por detrás daquel coto
vén un boi xoto;
e non hai home nacido nin por nacer,
que á corte o poida traguer. [2188]

¿Que será unha cousiña cousa
que sube a serra e baixa o gado? [2189]

Vai baleira pró monte
e vén cos bois prá casa. [2190]

[2177] Tanto ERG como UCA e VLLM, en cambio, citan o refrán contrario *Di o boi: 'Sácame en marzo, verás como pazo'*. VS comenta: *Porque no venga la tempestad*, e engade estas equivalencias: P.: *Tardes de março, recolhe teu gado* (Chaves); E.: *Tardes de marzo, arrecoge tu ganado* (Correas).

[2178] RCI:18. No texto: *Viduído.* É parroquia de Ames; mentres que San Martiño de Laraño é parroquia de Santiago

[2179] DBP:3195. No texto: *tórnam'os*.

[2180] VD:277. No texto: *i-Amaro*.

[2181] VD:317.

[2182] JPBII:291.18. No texto: *anda n-o monte c'o gando, andall'o*. Refírese a San Vicente: parroquia de Elviña, próxima á Coruña.

[2183] O sol. PM:91, APG:133.

[2184] O sol. PM:91.45.

[2185] O sol. PM:91.45.

[2186] O sol. PM:90. No texto: *balado*.

[2187] O peite. Gud5:40.

[2188] O sol aparece relacionado co boi na simboloxía ancestral e universal (lémbrese o carro solar na prehistoria e o disco solar entre os cornos bovinos que coroaban a cabeza da deusa exipcia Hathor). PM:91.45, ANV1:109, APG134, Gud5:33, VG:26.11.1983. No texto: *ven, nado* (PM, APG); *ven*, *n'hay home nacido* (ANV1); *de aquel, ven* (VG). Tamén ANV5: 1, 16: *de aquel, ven, n-hai*.

[2189] O peite e os piollos. APG:126.

[2190] O peite dos piollos. PM:1039. No texto: *valeira, ven*.

9.11.10. Xebra-lo gando

Algunhas das voces que encontramos aquí teñen un significado bivalente: axunta-las vacas de varias casas para levalas xuntas ó lugar no que van pacer, e tamén o contrario, xebra-lo gando por casas e entregalo ó seu dono. O lugar no que esa operación se realiza ten tamén o seu nome.

13435 **apartamento** *s.m.* Acción de aparta-lo gando cando vén xunto de pacer. (ERG).
13436 **chivadoiro** *s.m.* Lugar onde se axuntan ou separan os rabaños ó iren ou voltaren de pacer. A nosa fonte escribe *chibadoiro*. (Vala.).
13437 **estremadouro** *s.m.* Ver XEBRADA /13438. (Lou.).
13438 **xebrada** *s.f.* Lugar habitual para xebra-lo gando cando vén do campo. Normalmente está á entrada da aldea. (ERG, Vila.).
13439 **xebranza** *s.f.* Acto de separa-las reses do rabaño. Utilízase para tal fin a fórmula *¡xebra, xebra!*. (Arcos).
13440 **acibar 2** *v.* Separar [o gando] cando vén do monte, para que cada res vaia á súa corte ou á súa casa cando é gando da veceira. *Aciba a facenda, que vaia cada alimaña ó seu canto* (Aldo). (Aldo., Feás-A, Gui., Gun., Lugo1, Mel1, Mon., Parade.).
13441 **avilar** *v.* Levar [o gando] para a casa. A nosa fonte escribe *abilar* pero supoñemos que derivará de *vila* e por iso o escribimos con uve. (Suarna).
13442 **cibar 2** *v.* Ver ACIBAR 2 /13440. (Lan.).
13443 **chivar** *v.* Ver ACIBAR 2 /13440. Vala. escribe *chibar*. Eladio Rodríguez aplícao só a rabaños de ovellas e cabras. (ERG, Vala.).
13444 **desarrecadar** *v.* Deixar de arrecadar [o gando], deixar que as reses estean separadas unhas doutras e non xuntas. (ERG).
13445 **desmanar** *v.* Dividir [o rabaño]. (ERG).
13446 **escanabear** *v.* Dividir en partes [un conxunto de cousas, por exemplo un rabaño de reses en grandes e pequenas]. (Piquín).
13447 **estremar 1** *v.* Xebrar [o gando] que pertence a diversos donos. *Estremóu as ovellas cando as trouxo pros cortellos*. Rivas Quintas documenta esta voz con este valor xa no s. XIV, "y más frecuentemente que hoy". (Cris., ERG, ERQ2, Xun2).
13448 **xebrar 1** *v.* Ver ACIBAR 2 /13440. O noso informante en Ibias1 aplícao ó gando lanar e cabrío. Aníbal Otero (Cris.) escribe *jebrar*. (Ancares2, Cris., ERG, Ibias1, Ped1, Per., Suarna, XER).

9.11.11. Marca-lo gando

13449 **carácter** *s.m.* Marca que se lle fai ós animais dun rabaño para identifica-lo seu dono e non confundilos cos outros. (ERG).
13450 **aseñar 1** *v.* Ver ASINAR /13451. (Laxe, Nove.).
13451 **asinar** *v.* Marcar [o gando] cun corte nas orellas. (Burón, Gui., Suarna, Vala.).
13452 **asiñar** *v.* Ver ASINAR /13451. (Feás-A, Mel1).
13453 **pintar** *v.* Marcar [o gando]. (SComba).
13454 **sinalar** *v.* Ver ASINAR /13451. (Ver1).
13455 **zoretar** *v.* Corta-las orellas ou o rabo [de calquera animal]. (LP).
13456 ***aseñalar** *v.* Ver ASINAR /13451. (Com1, Razo).
13457 ***señalar** *v.* Ver ASINAR /13451. (Dum.).

9.11.12. Outros conceptos

13458 **nabarega** *s.f.* Tempo de febreiro, cando as vacas pacen no nabal. CP escríbeo con uve. (Cou1, CP, LG).
13459 **can das vacas** *s.comp.m.* [Can] de palleiro afeito a axudar a lindar [as vacas]. Véxase a sección de refráns deste apartado. VLLM anota *can de vacas*. (Fontefiz).
13460 **desmandado** *adx.* [Gando] que se escapa ou separa do resto do rabaño. (VGR).
13461 **desacamallar** *v.* Extraviarse [o gando] por fuxir da mosca ou por esbardar. Tamén en Parade. designan *acamallar* á operación de reuni-lo gando disperso no monte. (Parade.).
13462 **enquellar** *v.* Meterse [un animal] nun sitio estreito e perigoso, do que non pode saír. Alude probablemente á quenlla pola que corre auga. (Vila.).
13463 **escabardar** *v.* Separarse do rabaño [os animais], extraviándose. (Barcia).
13464 **esparravanar** *v.* Esparcirse, estenderse. *Esparravanóuse o jando*. (Fra.).
13465 **espernar 1** *v.* Dispersarse [o gando]. *Espernóuseme o jado*. (Xun2).
13466 **espernar 2** *v.* Dispersar [o gando]. *O lobo espernóu as ovellas*. (Xun2).
13467 **estremultar** *v.* Extraviarse [un animal]. (Piquín).
13468 **picorear** *v.* Roubar gando. (ERG).
13469 **andar á pedra perdida** *loc. v.* Moverse sen

rumbo nin amo unha res abandonada. Piquín di: *Andar á pedra perdida*, "una res o persona abandonada". Rivas Quintas escribe, s.v. *pedra*: "En Fondo de Vila: *Ir á pedra perdida* a probar fortuna, al acaso; *Nas seghas a Castilla ibamos contratados, pero non faltaba quen iba á pedra perdida tamén*" (ERQ2). (Piquín).

13470 **á escáncara** *loc. adv.* Á intemperie no campo. Dise do gando cando pernocta no monte. (LG).

Mala noite ¿por que te aparellas? Por can de vacas ou pegureiro de ovellas. (VLLM:2,89) [2191]
O boi sin corda pérdese axiña. (ERG:boi; VS) [2192]
Perdido é o gado, como non ha can que ladre e mal casado. (VLLM:2,93) [2193]

Costureira melindrosa,
lévame os bois a beber;
irás, virás á fontiña,
volverasmos a traer. [2194]

Costureiriña bonita,
lévame os bois a beber;
irás, virás á fontiña,
pola nai que te pariu. [2195]

Costureiriña bonita,
lévame os bois a beber,
lévamos pasiño a paso,
non mos botes a perder. [2196]

Costureiriña bonita
lévame os bois a beber
pola nai que te pareu,
volverasmos a traer. [2197]

Inda te hei de ver, bo mozo,
trabado de pés e mans
cunha chocalla ó pescozo. [2198]

Manoel, Manoeliño,
Manoel, cara de rosa,
lévame o gando a beber
á fonte da Ramallosa. [2199]

Manoel, meu Manoeliño,
Manoel, cara de rosa,
lévame os bois a beber
á fonte da Ramallosa. [2200]


Mariquiña, Mariquiña,
lévame os bois a beber,
lévamos pouquiño e pouco,
volverasmos a traer. [2201]

9.12. O lobo

O lobo (*Canis lupus signatus*, Cabrera, 1907 [2202]) é o carnívoro de maior tamaño que existe en Galicia, unha vez extinguido o oso na nosa comunidade nos anos corenta do pasado século. O lobo, despois de gozar nos séculos pasados dunha distribución xeral, en Galicia e no resto de España e Europa, estivo en perigo de extinción, tras intensas e constantes campañas de caza e envelenamento, auspiciadas pola súa inclusión na

[2191] Llópiz recólleo de Acevedo y Huelves (*Vaqueiros de Alzada*).
[2192] VS lembra un equivalente castelán de G. Correas: *El buey sin cencerro, piérdese presto.*
[2193] Llópiz di que é refrán medieval; explica que *mal casado* é mal gardado na casa.
[2194] ACV1:52.
[2195] ACV1:52 (variante).
[2196] Morei:395.
[2197] MRV:50, pero na páx. 26 escribe *me pareu.* SCHU1/2/271a; no texto: *levam'os, parío, traere* (pero antes, *beber*).
[2198] RC:168. No texto: *c-unha.*
[2199] Tea:45. No texto: *Manoel* (no primeiro verso), *Manuel* (no segundo); *â fonte*. Sabemos de dúas parroquias co nome de Ramallosa, unha en Nigrán e outra en Baiona; e tres lugares co mesmo nome (un en cada unha destas parroquias e outro en Lucí-Teo, A Coruña). Ningunha destas localizacións se atopa nas ribeiras do Tea pero ben pode tratarse dun microtopónimo desta zona.
[2200] VLQ2:338. No texto: *a fonte*.
[2201] SCHU1/2/271b. No texto: *lévam'os bois, pouquiñ'e pouco*.
[2202] O lobo gris ou europeo é o *Canis lupus* (Linneo 1758). A subespecie presente noutrora en case toda a península ibérica e agora limitada a Galicia e comunidades limítrofes, foi descrita por Ángel Cabrera en 1907, co nome de *Canis lupus signatus*.

categoría de *alimañas*, pero dende hai uns 20 anos experimentou unha recuperación notable aínda que mantén a consideración de escaso, pero relativamente ben distribuído, con presenza actualmente en practicamente toda a Comunidade, sobre todo no interior, reunindo máis do 30% dos exemplares que hai en España. O censo da especie en Galicia situábase ó redor das 30-40 parellas nos anos oitenta e nunhas cen parellas a primeiros dos noventa, en pequenos grupos moi dispersos (ICONA:650-652). O *Plan de Xestión do Lobo en Galicia* que está elaborando a Consellería de Medio Ambiente dende 2006 (con censos realizados entre 1999 e 2003) elevaba estas cifras a uns 420-625 exemplares distribuídos nunhas 60 mandas seguras e 8 probables, nunha zona de expansión que abarca case todo o territorio da Comunidade [2203]. Ten a consideración legal de especie vulnerable sen que iso impida que tamén se trate dunha especie cazable.



Mapa de distribución do lobo en Galicia en 2006 (DOG 166 de 29.8.2006). Os números de referencia indican o número de lobos por 100 Km^2.

Aliméntase basicamente de mamíferos, domésticos e silvestres, sen desprezar aves, insectos e froitos, con grandes variacións segundo as zonas e as condicións nas que se atopa. O gando doméstico non podía faltar na súa dieta (bovinos, équidos, ovellas, cabras, porcos e cans representan ó redor do 60% das súas preas [2204]) e de aí vén que fose considerado sempre como inimigo do home –á súa vez, vítima esporádica- contra o que o gandeiro tiña que se defender [2205]. Así se explican os foxos para a súa caza, distribuídos por toda a nosa xeografía, e o costume de pasea-los corpos dos lobos abatidos polas aldeas para recibir unha compensación ou gratificación por parte dos veciños do lugar.

[2203] "Situación actual do lobo en Galicia", en Resolución de 8 de agosto de 2006, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se somete a información pública e audiencia aos interesados o Plan de xestión do lobo en Galicia (DOG nº 166, de 29.08.2006).

[2204] J. Guitián (1979) en *Atlas de vertebrados de Galicia I: Peixes, anfibios, réptiles e mamíferos*, Sociedade Galega de Historia Natural, Consello da Cultura Galega, Santiago 1995, 278-281. Un estudo máis recente realizado por Isabel Barja, da Universidade Autónoma de Madrid, sobre a alimentación do lobo na serra do Invernadoiro ó longo de cinco anos, puxo de manifesto que o 62,8% das preas foron corzos, o 12,6% cervos, o 10% xabaríns, e pequenas porcentaxes de coellos, teixugos e outras especies silvestres, o que representa un total do 87,1% da dieta habitual. Lonxe destas porcentaxes estaban as ovellas (7,7%) e cabras (2,9%) que, xunto a cans e gatos, constituían os animais domésticos predados. Outra conclusión deste estudo foi que en ningún caso os lobos mataron os animais domésticos senón que comían exemplares mortos por outras causas ("El lobo prefiere la carne de corzo y jabalí a la de animales domésticos", en *La Voz de Galicia* 23.10.2009).

[2205] No mencionado Plan de Xestión estúdanse tamén os efectos da predación do lobo no gando semiextensivo. Cando comezou o programa de axudas por ataques do lobo, en 2003, os danos causados promoveron unha media de 374 expedientes anuais, pero cando se ampliou o espectro do gando susceptible de recibir axudas, os expedientes subiron ata 436 en 2007, cunha media de 159 vacas ó ano, 1.112 ovellas, 113 cabras e 26 equinos no período 2006-2007. Cómpre puntualizar que boa parte dos expedientes non prosperaron ó non demostrarse que fosen causados por lobos.

Houbo épocas nas que a autoridade eclesiástica colaboraba nesta tarefa de eliminación dos lobos obrigando a participar na batida ó lobo baixo pena de excomuñón e sinalaba unha data: calquera domingo de Coresma, é dicir, ó principio da primavera [2206].

Todo o anterior explica o papel negativo que sempre tivo o lobo na cultura popular (tradicións, contos, refráns e cantigas). Véxase, como tal, o poema de Novoneyra *Eidos sóios* (16.1.).

Todo isto obríganos a dedicarlle algo de atención.

Curiosamente un animal tan temido polos gandeiros non ten máis máis nome có de lobo, sen variantes. Pero esa é só unha impresión superficial: EMC permítenos saber que, aínda que só hai o nome de *lobo*, circulan moitos outros nomes populares que teñen en moitos casos intención eufemística ou propiciatoria. Lembremos algúns: *Don Pedro, Perico, Xan, Lifonso, O Pedro das artes, O tío Pedro, O da horta do tío Pedro, O tío Mingos, O tío Pepe, O tío Xan,* e, por parte*, O aquel, O outro, O tipo ese* (no que se ve o medo mesmo a chamalo polo seu terrorífico nome)*, O bicho do monte, O merdán do monte, O sabio dos montes, O do monte, O boca grande, O boca rachada, O da boca rachada, O da boca sangrada, O dente longo, O dentes grandes, O dentes largos, O dos dentes longos, O dentelán, O dos fuciños, O dos fuciños largos, O dos ollos grandes, O das dúas orellas, O das orellas, O das orellas curtas, O das orellas dereitas, O das orellas guichas, O das orellas grandes, O das orellas largas, O das orellas pequenas, O par de orellas, O das guedellas largas, O da la larga, O da la miúda, O das catro patas, O amigo das ovellas, O das ovellas, O que come ovellas, O come ovellas, O come res, O zampa carneiros, O amigo da noite, O *buen amigo, O da xente* e *O fillo do demo.* A esta longa lista haille que engadir *Milco* (no latín dos canteiros) e *O sinistro paseante nocturno* (probablemente literario).

A carne de óso, dente de lobo. (ERG:carne) [2207]
A vaca berrona chama ó lobo que a coma. (VLLM:1,131) [2208]
A vaca bruadora chama polo lobo que a coma. (VLLM:1,131)
Avisade ó lobo e deixade o gando soilo. (ERG:lobo)
Cando co fato anda o dono, nin dá o teo nin vén o lobo. (VLLM:2,84) [2209]
Come o lobo de toda a carne, menos da súa, que a lambe. (ERG:carne)
Toda a carne come o lobo, menos a súa, que a lambe. (ERG:lobo; JASA:328; XLF2:66; Mel2:463; MVN2:101) [2210]
Toda carne come o lobo, agás a súa que a delambe. (ANV1:77) [2211]
Toda carne come o lobo menos a súa, que lambe. (XTC4) [2212]
Da conta que saca o pegureiro, o lobo/ monte sábelle o erro. (VLLM:2,86) [2213]
Non soilo o lobo come carne crúa. (ERG:lobo)
¡Se te collera onde o lobo mata a vaca! (SPP:295; ZM:224; VS) [2214]
Vaca de moitos, cómena os lobos. (Carb-L:195; XLF2:68; Curro; VS) [2215]

Parece claro que a eliminación física do lobo con trapelas, foxos, velenos e batidas non bastaba, maiormente cando había moitos. Por iso, tamén botaban man de fórmulas máxicas protectoras e de ensalmos, máis ou menos escenificados, para protexe-lo gando contra calquera mal e, concretamente, contra o ataque do lobo mentres está no monte a pacer. Os arresponsadores son xente que *teñen boa man* e que din ter devoción a san Antón, padroeiro do gando, para reza-lo responso axeitado a cada caso. Sabemos de numerosos ensalmos pero aquí recollemos unha mostra deles.

2206 *Statuimus quod de qualibet parrochia mactent qualibet die dominica Quadragesima unum lupum uel dent una lecticam integram de lupis lactentibus. Et qui non fecerint, sin(t) excommunicati* (AGG: 279-280; 1289,36).

2207 ERG: *òso*.

2208 Llópiz recólleo de José M. Magariños de (¿Setecoros?) Valga (Pontevedra).

2209 Llópiz explica que teo e lobo son as dúas razóns que o pegureiro dá para explicar que regrese con menos gando do debido. O *teo* (cenurose) é enfermidade parasitaria propia das ovellas.

2210 No texto: *Toda carne, sua* (ERG, JASA, Mel2); *cóme, meno-l-a sua, que lambe* (MVN).

2211 ANV1: *sua*.

2212 XTC4: *sua*. Recólleo do *Diccionario* de Valladares.

2213 Llópiz: *o lobo lle sabe*; explica que alude ás escabrosidades do chan galego que fai difícil a custodia do gando.

2214 No texto: *ond'o lobo* (SPP); *¡Se te collera onde o lobo!... ¡Mata a vaca!* (ZM). Emilio Álvarez Giménez dános esta variante: *¡Quen o collera onde o lobo mata á ovella!* (EAG:27).

2215 Eis refráns semellantes: *Burro de moitos, cómeno os lobos* (ERG:burro); *Besta de moitos, cómena os lobos* (XTC4) ou *Cousa de moitos, cómena os lobos* (UCA2:29). No texto: *muitos* (VS). A estes podíanse emparellar outros máis afastados na literalidade pero non no concepto: *Uns por outros, a casa por varrer*; *A casa de moitos donos nunca lle faltan pingueiras*; *Cunca de moitos, ben lambida e mal lavada.*

Beato Antoño:
Librache a teu pai da forca.
Libra aquel animaliño
que o lobo leva na boca.
Á honra de San Antoño
e da Virxe María
un Padrenuestro
e unha Ave María. [2216]

Meu louvado san Antón,
prégote co meu responso
pra me garda-la facenda
que non me coma o lobo. [2217]

¡Óh beato San Antonio,
polo hábito que vestiche,
polo cordón que cinguiche!
Líbrame meu pai e miña mai de ma morte,
lla miña cría que anda no monte,
de lobo e loba,
de zorro e zorra,
libra tamén rabadán
de dente que se non finque
de sangre que se non verta.
Un Padre Nuestro e unha Ave María,
na honra de Dios lla Virgen María. [2218]

San Antonio bendito de Padua [2219]*,*
en Padua naciche,
en Portugal estudiache,
por los hábitos que vestiche,
por los cordós que cinguiche,
o perdido sea topado;
gárdame todo meu gado
que andan aquí no monte alzado
sin pastor nin criado.
Gárdamo de lobos e lobas,
de zorros e zorras,
de cas e cadelas,
de gatos e gatas,
de garduños e garduñas,
de furóns e furonas,
de outra ave de rapiña
que por el mundo andiver
que non poidan nin súa pelexa romper
nin súa sangue beber[2220]*.*
Por o poder de Dios e da Virxe María
un padre nuestro e un avemaría. [2221]

E este vai dirixido contra o lobo:

Lobo, lobete,
tapeiche o gorchete
coa pedra
e un torró,
pra que non poidas
gorgolechar máis
nin arriba
nin abaixo.
Con o poder ... [2222]

A crenza popular é que rezarlle algún destes responsos a san Antón asegura o gando que queda de noite no monte e que o lobo pode mesmo acompaña-lo gando sen facerlle mal á espera de que acabe o prazo en que está protexido polo santo (VLQ:316).

Na Limia rexístrase a crenza de que a eficacia do responso é tal, que fai que ó lobo os dentes se lle volvan de cera e xa non poden trabar, nin no gando nin na xente. En calquera caso engaden a crenza de que o lobo non é perigoso tódolos días, porque se alimenta de terra tres días; de aire, outros tres; e de carne, tres días máis: así que só atacaría neste último período (Lim6:700); Risco di que se alimenta por trimestres de cada unha desas cousas: terra, aire e carne (VR1:286).

[2216] Raiaseca:114-115. Aquí hai unha extrapolación do *san Antón abade* ou *de xaneiro* ou *verdadeiro,* que é o avogoso do gando, ó *san Antón de Padua* ou *de Lisboa,* ou *de sanxoán,* ou *mentireiro*, que entende máis en cousas de amores das mozas.

[2217] VLLM:2,891. Explica que o recolle na Pobra do Brollón onde *facenda* disque significa fato de ovellas ou cabras.

[2218] Raiaseca:115.

[2219] É a mesma extrapolación do santo de Padua ou Lisboa.

[2220] No texto: *sua.*

[2221] CLT:160. Cómpre observar que, se ben os estudos antropolóxicos de Lisón Tolosana son de valor máximo, as súas citas lingüísticas son de fiabilidade parcial porque os castelanismos e os dialectalismos que conteñen non sempre son verosímiles en informantes desa idade ou desa zona.

[2222] CLT:161.

Nalgún outro ensalmo solicítase a intercesión de san Bertomeu, que se ten por protector do gando contra o lobo e outros predadores, protector global da facenda e dos partos e meniños non bautizados [2223]:

A casa onde ti entres
será benaventurada
non caerá raio nin centella
nin se levantará fogueirada
nin morrerá muller de parto
nin criatura pagana
nin lobo nin zorro
che comerán teus ganados
terán os dentes pechados e arrolados
como a rella dos arados [2224]

Glorioso san Bartolomeu [2225]
na súa santa cama está,
o seu santo pan colleu, [2226]
polo seu santo camiño andou,
con Dios noso Señor encontrou.
¿Pra onde vas, san Bartolomeu?
Pró seu santo reino vou.
Vólvete san Bartolomeu
que che hei dar un don
que nunca dei a femia nin varón:
que onde san Bartolomeu sea nomeado
nadie será preso nin arrastrado
nin de lobo nin de loba,
nin de can nin de cadela
nin doutras 'abichuguillas' feras.
Polo poder que Dios ten [2227]
e a Virxe María. Amén. [2228]

Que onde San Bartolomeu sea
nomeado,
nadie será preso nin arrastrado,
nin de lobo, nin de loba,
nin de can, nin de cadela,
nin de outras 'habichuillas' feras. [2229]

San Bartolomeu da súa camiña se
levantou, [2230]
seus pés e súas maus lavou, [2231]
seu camiño camiñou.
Á fonte do Tribunal chegou. [2232]
Seu camiño camiñou,
con Jesucristo encontrou,
Jesucristo lle preguntou: [2233]
-¿Pra onde vai, ai San Bartomeu [2234]*?*
-Señor, al cielo quería ir.
-Al cielo non irás, non,
eu che darei un taldido, [2235]
eu che darei un toldón, [2236]
un pedazo da barada. [2237]
Dichoso daquela casa donde
estivéramos, [2238]
non se levantaría fogueirada,
nin lobo nin raposo facería furada.
Por aquela costiña arriba
San Bartolomeu os seus canciños
enviciaba.
As súas campaiñas tocaba. [2239]
Encontrou con dentalán.
-¿Pra onde vas, ai dentalán? [2240]
-Pra onde hai cabras e ovellas e bois [2241]
e vacas tamén.

[2223] Risco menciona que tamén é avogoso contra os incendios, o pedrazo, raios e centellas, así como das doenzas da gorxa, as feridas e os malos partos.

[2224] VR1: 341. Recollido en Mondoñedo por Lence Santar.

[2225] No texto: *Bartoloméu*, como no resto da oración.

[2226] No texto: *colléu*. Tamén no resto do texto: *andóu*, *encontróu*.

[2227] No texto: *tén*.

[2228] VR1: 341. Recolle este responso en Melide pero engade que está *moi espallado, con moitas variantes*.

[2229] Mel2:435. No texto: *Bartoloméu, d'outras*.

[2230] No texto: *d'a sua*.

[2231] No texto: *pes*, *suas*.

[2232] No texto: *d'o*.

[2233] No texto: *ll'e*.

[2234] No texto: *Pr'onde vai*. Neste caso, *Bartomeu*, pero unhas liñas antes e tamén máis adiante, *Bartolomeu*, así como nas outras catro oracións ó santo que recolle no mesmo artigo.

[2235] No texto: *ch'e*.

[2236] No texto: *ch'e*.

[2237] No texto: *d'a*.

[2238] No texto: *d'aquela*. Tamén no resto do texto.

[2239] No texto: *suas*.

[2240] No texto: *pr'onde*. Tamén no resto do texto.

[2241] No texto: *obellas*.

-Non vaias pra alí, dentalán, [2242]
que está la Virgen María, [2243]
Malas novas che faría.
San Silvestre e San Román,
prende o lobo e ceiba o can [2244]
que o meu gadiño vai fóra, [2245]
detrás daquela igresia vella,
Santa Madalena.
Polo poder que Dios ten [2246]
I a Virxen María. Amén. [2247]

Claro que, con ensalmos ou sen eles, o gando (ovellas, vacas, poldros) foi sempre, e segue a selo, vítima dos ataques do lobo aínda que hoxe disque son máis frecuentes os ataques de mandas de cans asilvestrados que percorren os montes. Nestes casos, a resignación e o fatalismo asoman tamén no refraneiro: *Ó porco que é pró lobo non hai san Antón que o garde* (XTC4).

Tamén existen responsos para facer que o lobo ataque o gando no monte:

Bouzas largas, monte espeso,
tantos lobos como pelos,
vintecinco ás ventás
e outros tantos por detrás. [2248]

C'o rabo tapa a cona
Venha um lobo que a coma,
P'ra não voltar a casa da dona. [2249]

Lobos que andais polo monte
aguzai ben o sentido,
buscai por ises encontros
que anda un becerro perdido. [2250]

Prò monte vás,
Prà aldeia não venhas,
Branquinhas adiante,
Pretinhas atrás,
Comam-te os lobos,
Espedacem-te os cães,
A casa do teu dono nunca tornarás. [2251]

Ou para que non apareza unha ovella perdida, pois así o pastor ten unha menos que coidar:

Si buscas milagros mira,
tábanos, é menester
ovella de mil demonios
que non volvas aparecer. [2252]

Pensado recolle unha lenda que asegura que o lobo non se achega á igrexa do apóstolo Santiago, co que este sería outro protector do gando. A lenda procedente de Bragança [2253]:

> *Una vez un lobo le comió (ó apóstolo Santiago) una de las vacas que tenía para acarreo de materiales para la catedral, y por ello castigó al lobo a servir de pareja de la otra vaca, uncido al carro, durante siete años, hasta que terminó la construcción del templo. Después de acabado, dejó en libertad al animal, y éste huyó tan aprisa que no paró en siete leguas, y desde entonces no se ha vuelto a ver un lobo en siete leguas a la redonda de su iglesia.*

[2242] No texto: *vayas pr'alí*.
[2243] No texto: *qu'está* .
[2244] No texto: *prend'o, ceib'o*.
[2245] No texto: *fora*.
[2246] No texto: *Pol-o*.
[2247] No texto: *Y-a*. ELS:147-148. Recollida en Outeiro, Os Remedios, Mondoñedo, en 1940.
[2248] CLT:161.
[2249] Raiaseca:116.
[2250] LimiaB:91.
[2251] Raiaseca:116.
[2252] Raiaseca:116.
[2253] JLPT5.

Cando o lobo caza o boi

Hai un relato popular das idades do lobo que informa mes por mes de como medra o lobo e do que vai sendo capaz de facer. Ese relato das diferentes idades do lobo ata que é quen de matar un bovino [2254] ten unha forma extensa e outras breves. As formas breves reciben con frecuencia a consideración de refráns. E a forma extensa recibe consideración ou de cantiga ou de adiviña, aproveitando que ten rima interna. Como cantiga oscila entre os oito e os catorce versos, dependendo onde o colector coloque as cesuras.

Este é un dos casos nos que a tradición oral, por economiza-lo que se dá por sabido por todos, tende a reproducir só unha mínima parte do relato, quedando convertido en refrán ou en locución. Este é o fenómeno que Valerii Mokienko denominou *implicitación* (VMok:203-257).

Nós reproducímo-las variantes que coñecemos na forma en que as recollemos, sen prexulgar que sexan refráns, adiviñas ou cantigas. Para nós, como dixemos, son diferentes resultados dun relato longo primitivo.

No mes de xaneiro
cala o lobo no cubil,
no mes de san Xoán
corre o lobo tras do can,
no mes de Santa Mariña
xa come a carniña
e no mes de agosto
xa vai co seu pai ó co-rostro [sic]. [2255]

En abril,
cátanos no cubil;
en maio,
xa son bo gallo;
en San Xoán,
xa lle dou a carreira ao can;
en Santa Mariña,
xa vou pola cabritiña;
en agosto,
xa vou co meu pai polo rostro;
en Santos,
xa mato os bois nos campos
i en xaneiro
xa podo co carneiro. [2256]

Abril, búscame no cubil; en maio xa son gran de galo; en san Xuan xa boto as cabras do pan; en xullo xa me poño ós bois do xugo. (VS) [2257]

E en agosto xa bota o boi ó pozo. (XTC4) [2258]

En abril cabemos no cubil, en maio xa son bon gallo, en santa Mariña xa vou pola cabirtiña, en agosto xa vou co meu pai polo rostro, en santos xa mato os bois nos campos i en xaneiro xa podo co carneiro. (VLLM:2,1016) [2259]

En abril cátanos no cubil; en maio xa son bon gaio; en santa Mariña xa vou pola cabritiña; en agosto xa vou co meu pai polo rostro; en Santos xa mato os bois nos campos; e en xaneiro xa podo co carneiro. (VS) [2260]

En abril cátanos no cubil, en maio xa son bon gallo, pola santa Mariña xa vou pola chiviña, en agosto xa vou co meu pai polo rosto, en santos xa mato o boi polo prado i en xaneiro xa podo co carneiro. (VLLM:2,1016) [2261]

[2254] Recollemos tamén estes refráns, todos eles do concello da Gudiña, que, aínda que non mentan o boi, son paralelos dos que citaremos neste apartado.
En abril, está no cubil;/ en maio, sai co pai ó lado;/ en san Xoán, atrévese co can;/ ca auga de san Xoán, xa se revolve ó can;/ en santa Mariña, xa colle a cabritiña;/ en agosto, sai co pai ó rostro (Gud5:28, Raiaseca:113).
En abril, están no cubil;/ en maio, xa sain co pai ó lado;/ en san Xoán, danlle a carreiriña ó can;/ en santa Mariña, xa collen a cabritiña;/ e en agosto, danlle ó pai polo rostro (Gud5:28, Raiaseca:113).
En abril,/ está no cubil;/ en maio,/ co pai ao lado;/ en san Xoán,/ xa lle dá a carreira ao can;/ en santa Mariña,/ xa mata a cabritiña;/ e en agosto,/ xa tira co pai ao pozo (Raiaseca:113).

[2255] TCha:91. Non di o que significa ese *co-rostro*, pero engade esta nota: *Eis o desenrolo da vida do lobo: polo agosto xa anda á caza, ó rastrollo ou restroballo*. Máis adiante, no vocabulario que remata o *Cancioneiro*, explica que *andar ó rostro* é o mesmo que andar ó rastrollo, á rebusca.

[2256] O lobo. APG:94.

[2257] No texto: *Julio*.

[2258] A todas luces trátase dun fragmento, ou variante, dos refráns anteriores.

[2259] Recólleo de V. Risco e di que *ser bo gallo* é facer bo vulto e que *ir polo rosto* é ir diante. Non obstante, Rielo Carballo define *rostro* como *a parte do arado que se arrastra ó arar polo fondo do rego* (TCha:148).

[2260] VS comenta que *describe las fases del desarrollo del lobo*.

[2261] Recólleo de Noriega Varela (*Colec. refr. Ribadeo* 1946). No texto: *n'agosto*.

En abril, cátanos no cubil, en maio xa son galo, en Santa Mariña xa vou pola cabritiña, en agosto xa vou co meu pai polo rostro; en Santos xa mato ós bois nos campos, i en xaneiro xa podo co carneiro. (XTC4) [2262]

En abril, está no cubil; en maio, co pai ó lado; en san Xuan xa lle dá unha carreira ó can; en santa Mariña, xa matan a cabritiña; i en agosto tiran o boi ao pozo. (VS) [2263]

En abril, está no cubil; en maio, co pai ao lado; en san Xoán, xa lle dá a carreira ao can; en santa Mariña, xa mata a cabritiña; i en agosto, xa tira o boi ao pozo. (Gud7:59) [2264]

En abril, están no cubil, en maio, co pai ó lado, en San Xoán xa lle dan carreiriña ó can, en Santa Mariña, xa matan a cabritiña e en agosto, o boi ó pazo. (NevesC)

Recollemos a continuación unha lenda que nos proporciona Vázquez Varela

Aparición [2265]

Un día, xa hai anos, á noitiña, viña unha muller co gado prá casa e veu unha vaca dunha veciña perdida no monte pero [2266], como estaba a mal coela, deixou [2267] queda-lo [2268] animal. De noite [2269] comeron a vaca os lobos. Ó cabo [2270] dalgún tempo [2271] morreu [2272] a muller que non recollera a vaca da veciña e, desde daquela, a miúdo [2273], aparece no mismo sitio onde aquela [2274] fora comesta polas alimañas, decindo:

Vaca marela, del cuerno leal
de la Campa Fondeira a la Abedual.
Aquí te vi, aquí te dejé,
ladrona de mí, que no te llevé.

Agora imos reproducir un feixe dos máis coñecidos contos populares nos que o lobo aparece atacando o gando. Véxase tamén no capítulo 7.6.1. o conto *A zorra e a vaca.*

O labrador e o lobo [2275]

Resulta de que, entón, o labrador estaba labrando unha veigha. Veña, labra que te labra, pero resulta que un boi era un mangante e non quería traballar. E o tipo deulle uns verghallazos pero nin así. Entón encabreouse tanto: "*¡Si viñera un lobo e te comera!*". Entón, seghiu traballando, seguíu traballando pero de alí a un pouco, eu non sei cómo mira alí para un lado, e alí mira o lobo. ¡Mecachis en dies!, o home xa se puxo todo cabreado, *"¿Qué pasará aquí, Dios mío?"*.

Entón acercouse alí e preghuntoulle:

- ¿E usted que fai aquí, señor lobo?

- Nada. ¿Entón non dixeches fai un pouco que che viñera un lobo para che come-lo boi?

- Pois si, pero eu díxeno de broma porque estaba rabeado por culpa deste boi que non traballa. Pero ¡ai, Dios mío! que non quero… Porque me fai moita falta para labrar outras veighas.

[2262] Refrán acerca das idades do lobo, non recollido en Verín. No texto: *mayo, gallo*.
[2263] No texto: *San Juan*; *i-en.* Saco recólleo na Gudiña.
[2264] No texto: *San Juan, dan, matan, tiran*.
[2265] JMVV, s.v. *aparición*. O relato é dos Ancares, Lugo.
[2266] No texto: *pero como estaba a mal*.
[2267] No texto: *deixóu*.
[2268] No texto: *quedá-lo*.
[2269] No texto unha coma separa esta palabra da seguinte.
[2270] No texto: *O cabo*.
[2271] No texto unha coma separa esta palabra da seguinte.
[2272] No texto: *morréu*.
[2273] No texto: *amiudo*.
[2274] No texto: *aquéla*.
[2275] CNC:98-101. Recollido en Mondariz, Pontevedra, de Elisardo Rei, de 65 anos de idade en 1998.

- Non, non, non, non…, ou che como o boi ou te como a ti, unha das cousas.

- Bueno, entón terás que comerme o boi, pero polo menos déixame acabar de labrar esta veigha porque despois entón qué fagho.

- Bueno, pois entón vou esperar un pouco. Pero tan pronto acabes de labra-la veigha, eu téñoche que come-lo boi.

- Bueno, pois entón espera un pouco. Espera un pouquiño. ¡Ai, por favor! ¡Ai, Dios mío!

Empezou a chorar o home, e seghiu labrando. Entón, mentras, o lobo púxose debaixo do carro, púxose debaixo do carro á sombra. E o home seghiu labrando pero, claro, púxose a chorar. E de alí a un pouco apareceulle por alí unha raposa, e dixo:

-¿Compadre, ustez por que chora?

-¡Ai, Dios mío, Jesús! E que eu estaba cabreado con este boi e dixen que si viñera un lobo e mo comera. E ahora vén, e quéreme come-lo boi e eu despois, ¿como vou facer?, ¿que vai ser da miña vida?

- Mire, compadre, ¿usted quere que non lle coma o lobo o boi?

-¡Por Dios! ¡Entón como non!

- Pois si me dá unha galiña das boas que teña ustez alá no seu corral, eu fago para que non lle coma o boi.

- Pois hasta non che dou unha, que chas dou todas.

- Bueno, mire, eu vou para alí para arriba, para aquel monte; póñome detrás daquel penedo. ¡El que non me mire! O lobo que non me mire senón ighual me come a min. E cando eu lle diga: "¡Labrador!", usted vaime contestar: "¿Qué quere cazador?".

- Bueno, pois está ben, moi ben.

Entón aí marchou o raposo polo monte arriba e púxose detrás dun penedo. Entón desde alá, desde detrás do penedo, grítalle:

-¡Labrador!

E dicelle entón:

-¿Que queres cazador?

Entón xa aí o lobo púxose coas orellas ghichas."*¡Concho!, hai aí un cazador que igual me vai a matar*".

E dixo [a raposa]:

-¿Qu'é iso que está debaixo do carro?

E díxolle o lobo:

- Dille que é un cañoto.

E díxolle entón o labrador:

- É un cañoto.

-¡Ah! Pero alá na miña terra bótano enriba do carro.

Entón díxolle o lobo:

- Bótame enriba do carro, pero bótame con xeitiño e coa cabeza para atrás para que non me mire o cazador, senón xa me tira un tiro.

Bueno, bueno, entón foi o labrador e colleu o lobo e púxoo enriba do carro. Volve outra vez a raposa desde alá darriba:

-¡Labrador!

-¿Qué queres cazador?

- Pero alá na miña terra átano cunha corda pa que non caia polo camiño.

-¡Ah! Bueno, bueno.

- Mira, átame, pero átame despaciño non me vaias aforcar.

Entón vai o labrador e atouno e atauno con xeitiño e tal. Entón volve outra vez a raposa:

-¡Labrador!

E dícelle:

- ¿Qué queres cazador?

- Pero alá na miña terra clávanlle a machada para que non caia polo camiño.

E vai e díxolle o lobo:

- Clávama, fai que ma clavas, pero non ma claves, clávaa no carro.

E vai o labrador e, ¡zas!, chantoulla na cabeza e matou o lobo. Matou o lobo. Entón a

raposa veu para abaixo. Veu para abaixo e di:

- Bueno, entón ahora temos que ir a busca-la galiña.

- Bueno, pero entón, por favor, espere que acabe aquí, que vamos busca-la galiña.

E acabou de labrar e marcharon para a casa. Marcharon para a casa. Vai o labrador e dícelle á muller:

- Mira, tes que me traer unha galiña para acá porque pasou… Contoulle o detalle, que queríanlle comer o boi pero que a raposa lle salvou de que llo comeran e que lle tiña que dar unha galiña. Efectivamente, foi buscarlle a galiña pero a muller en vez de botarlle unha galiña dentro do saco, botoulle unha cadela, que tiña alí atada contra unha cadea, dentro do saco. Trúxolle a cadela; e cando viña polo camiño o labrador, dicíalle a raposa:

- Por San Pedro e por San Xoán,
chéirame a barbas de can.

E díxolle:

- Non, non, o que pasa é que a galiña é moi gorda e avulta muito.

-¡Ui! Por San Xoán e por San Pedro,
a min chéirame a barbas de perro.

- Que non, non. Pode estar seghuro que non é ningún can que é a ghaliña.

Efectivamente, vai a raposa colle o saco ó lombo e escapa para o bosque, para cerca dunha fonte para comela e mandarlle un trago por riba. Alá vai arriba po medio do bosque, chegha a cerca dunha fonte ponse a abri-lo saco. Ó abri-lo saco, ¡ah, centella!, aí sae a cadela detrás da raposa. "¡Zácala, zácala, zas!" para o medio do monte ¡me cagho en diez! E ó cheghar alá, a cerca dun descampado, mandoulle terra para atrás coas patas e ceghouna e quedou alá a descansar un pouco. E entón empezoulle a dicir ás canivelas:

-¡Ai, miñas canivelas!, que nunca levástedes carreira coma ela. Heivos de reghalar unhas zapatillas para ir á festa.

E vai e dille ás orellas:

- E vós, miñas orelliñas, que tanto escoitastes detrás para mirar onde viña a cadela, para que non me collera...

E entonces díxolle o cu:

-¡Eh, ti! ¿E a min que me dás?

-¡Ah, tu, condanado, que bo traballo me deches! Traerte debaixo do rabo ou senón comíame a cadela.

O labrego e o lobo [2276]

Andaba unha vez un labrego arando, e levaba as vacas antepostas; cando nunha das pasadas as vacas saíronse do rego:

- Mailos [sic] *lobos vos coman-*, dixo o labrego; e foi poñe-las vacas ben.

Xa pasara un tempo e viu o labrego un lobo na cabeceira do terreo, achegouse a el e díxolle:

- ¡Boas tardes señor lobo!. ¿Que fas aquí?

Como aínda estaban no tempo no que os lobos falaban respondeulle:

- ¡Boas tardes!. Veño come-las túas vacas como ti dixeches antes.

O labrego contestoulle:

- ¡Está ben!, pero agarda polo menos a que remate de arar; pódeste deitar no carro a dormir e máis tarde come-las vacas.

O lobo pareceulle ben, e foi durmir dentro do carro. Entón o labrego colleu a corda que ñe tiña pasada polos comos ás vacas e atou moi forte con ela o lobo ó carro e logo dixo:

- Ti quixeches come-las miñas vacas, pero agora son eu quen te vou comer a ti.

E dito isto cortoulle a cabeza co machado.

[2276] XLOC: 147. Recollido en Pontedeume.

Conto do arador e o lobo [2277]

Andaba en certa ocasión un labrego arando coas vacas antepostas, cando nunha das pasadas as vacas saíronse de rego.

-*Que os lobos vos coman* -dixo o labrego.

Despois de certo tempo viu o labrego un lobo na cabeceira do terreo, achegouse a el e díxolle:

-*¡Boas tardes, señor lobo! ¿Que fas eiquí?*

-*Veño a comer as vacas, como dicías hai un pouco* -respondeulle o animal.

Ao que lle contestou o labrego:

-*¡Está ben!, pero agarda que remate de arar, e mentres podes te deitar no carro e durmir un anaco, despois comes as vacas.*

Ao lobo pareceulle ben e deitouse a durmir, non obstante non se fiaba demasiado das palabras do home e de cando en vez axexaba para ver en que daba. Ao cabo de certo tempo o lobo viu abraiado como o home se acaroaba ao carro cunha machada na man, entón dixo:

¡Madia leva! fiarse da palabra do home.

E unha vez dito isto fuxiu a lume de carozo.

A raposa e o labrador [2278]

Era un labrador, tiña moito terreo. Era un señor que tiña moito terreo. Entonces andaba labrando e ¡claro! levaba o carro e levaba toda trapallada pr'alí, pa pór alí e deixala baixo da sombra, debaixo do carro: o viño, os bocadillos, a comida. Deixaba todo.

E a raposa andaba por alí e viña aghachadiña por detrás e ¡pum!, sempre lle collía cousas, sempre lle comía cousas ou lle comía o bocadillo ou lle bebía o viño, ou unha cousa e a outra. E enseghida vai e..., o home iba beber, faltáballe viño; iba botar un bocadillo, faltáballe o bocadillo.

Entón chamou alí a un viciño, un cazador, e díxolle:

- ¡Oes!, ahora escóndete por aí, ahora vou ir á casa e traio máis de comer que non teño nada que comer, e vou á casa a ver se localizamos a quen é que me come e me bebe, que me deixa sen comida. Se eu sigho sen comer, non podo traballar.

E bueno, alá o cazador escondeuse, alá se escondeu a un xeito el. Pero a raposa como tiña un olfato enorme, pois cheiráballe, porque ó cheirar á pólvora chéiralle, non. Entón a raposa cheiraba así no aire, non. Así: "¡Iufff!, ¡iuff!". Cheiraba así, e entón a raposa viña por outra parte, daba a volta máis para alá, por largho, por outro xeito. E viña, ¡zas! Entón localizouna e corrérona, localizárona e corrérona. Corrérona, pegháronlle tiros e tal. E a raposa escapou.

¡Bah, moi ben! Pero despoi-la raposa truxo máis compañía con ela. Colleu, aghachou alí e díxolle:

- Buenas tardes, señor.

- Buenas tardes.

- Mire unha cousa, eu veño que quero levarlle un boi.

- ¡Ai, Dios mío! ¡Ángela María! ¡Que va! Diso nada, que eu cómo ghaño a vidiña, e teño un montón de fillos, teño moitos filliños e non teño forma de vivir, e con isto teño que darlle panciño ós fillos…, e tal cual.

E entonces, ela ensistía e ensistía que quería o boi. Pero entón el ordenou e díxolle:

- Non, mira, pois entón déixamo boi. Porque teño que ghañar pan pós fillos e… Doulle un ghaliñeiro de ghaliñas, entonces…

- Pois vamos a ver, entón.

Levouno alá e el mirou o que tiña alí; tiña moitísimas ghaliñas porque tiña un lughar mui ghrandiño, era un labrador mui fuerte ¿non? E enseñoulle todo o que tiña, as ghaliñas por alí. E entón a raposa acetoulle:

[2277] XLRG:69-70.

[2278] CNC:101-103. Recollido en Guillarei-Outeiro-Tui, Pontevedra, de Manuel Castiñeira, de 68 anos de idade en 1997.

- *Bueno, pois entón si.*

- *Eu xa llas encho nun saco e despois, ó estar o saco cheo, usté vén e lévaas.*

- *Pois si* —e acetoulle así.

Pero entón o señor ese avisou a un cazador.

Díxolle:

- *Mira, fixen un trato coa raposa, e todos os cans cantos temos* —eran cans cazadores, tiñan moitísimos cans—. *Pois metémolos dentro dun saco coma que son ghaliñas*.

E a raposa veu e colleu un saco ó lombo e —aí o vai o primeiro viaxe— levouno. E a raposa vivía no monte, e había un penedo moi ghrande ¿non sabes? e alí era onde ela aniñaba.

Bueno, entonces o labrador púxose en contato co cazador, que se puxera alá polo lado do penedo pa atacarlle á raposa. Bueno, alá marcha nun viaxe. Leva o viaxe aló co saco ás costas, alá chegha. Pero bueno, despois viuse polo outro.

En canto se viu polo outro, os cans, como xa estaban ensiñados, romperon o saco. Xa se puxeron en marcha pa, ó vir co outro viaxe, atacar.

Alá vén. Chegha alí co outro viaxe, pousa. Seghún pousa empeza a abri-lo saco, abre o saco, vai a mirar, saltan os cans todos pa ela, e ela fuxía como un diablo. E entonces, pois claro, ela non tivo máis remedio que subir por riba daquel penedo, un penedo mui altísimo que había alí, subiu por riba. E entón o cazador díxolle:

-*¡Arredoade o penedo!* —ós cans— *¡Arredoade o penedo para que non escape!*

E entón o cazador desde abaixo, pois, a tiros na raposa. E a raposa escondíase por un lado, escapaba polo outro… Pero o home iba e entón, alá colleu un xeito e ¡pum!, peghoulle un tiro nunha pata. E ó pegharlle un tiro nunha pata salta a raposa:

-*¡Aiiiii! ¡Aiiiii! ¡Aiiiii!*

E o home, ¡pum!, tíralle a ela sempre:

-*¡Aiiiii!*

E entón o home xa miraba que xa non lle daba xa máis ó tiro. E entón sáltalle ela así e así.

-*¡Aiiiii! ¡Aiiiii!*

-*¡Aiii! ¡Pois aquí o que hai son cans!*

O lobo e a vaca [2279]

O compadre lobo acordou do seu sono polo [2280] bruído [2281] da vaca; dun pulo prantouse en pé, e axexou [2282] por entromedio dos canos da leña onde fora encamar; outra ves voltou brua-la vaca mas no bruído [2283] había máis [2284] de queixa que de asaño; o compadre lobo quixo comprender que non corría perigro: ollou prá braña [2285] e viu como xa a vaca un pouco esquerquenada aínda [2286] lambía nun xatiño novo.

- *Oooou*!, -fixo lambendo o fuciño e os ollos faiscantes,- ¡*quen tivera esa sorte, tan tenro que ele é; coa fame que eu teño; había estar bo*! [2287]

Sen se poder conter, o compadre lobo oubeou ben forte e daquela a vaca ergueu a cabeza, levantou o rabo como se fose moscar e o compadre lobo lembrou, cal se aínda [2288] o estivera pasando, o apreto en que o poñera un día a vaca a correr atrás de ele co rabo [2289]

[2279] LCA7:304. Recollido en Santiago de Ribas Pequenas, Bóveda, Monforte.

[2280] No texto aquí e no resto do conto: *pol-o.*

[2281] No texto: *pol-o bruido*.

[2282] No texto: *en pé*, *e asexou*.

[2283] No texto: *brual-a vaca, mas no bruido.*

[2284] No texto: *mais.*

[2285] No texto: *pra*.

[2286] No texto: *ainda*.

[2287] No texto: *bó*.

[2288] No texto: *moscar, e o compadre lobo lembrou cal se ainda.*

[2289] No texto: *cô rabo*.

ergueito, a cabeza baixa, bufando, co fuciño [2290] rentes do chan pra lle turrar, unha ves que por brincadeira achegáraselle ao xato que tiña daquela apastando [2291] un pouco arredado.

- *Non, o que é contigo non quero contos* -dixo pra escontra si [2292]; engomeouse e berroulle á vaca [2293]:

- *Acougue, comadre, acougue, que non foi nada*; e remusgando engadiu con un aquel de empexa [2294]:

- *Oooou! tu lamber ben lambes, mas, se fose eu...*

O lobo e a vaca [2295]

Pareu unha vaca no monte [2296] e púxose a lamber a cría.

Un lobo, que taba preto, dixo:

- *¡Mirade como é o mundo! ¡Dios nos día honra! Si eu estivera lambendo a cría, todo diós había de decir que iba a comela* [2297].

Moitos contos, por economía, cítanse pola frase final ou refrán xa que o resto dáse por consabido. Rota a transmisión da tradición oral, moitos destes consérvanse só como dialoxismos e, despois, perdida a referencia de quen é o que fala, o refrán faise definitivamente opaco. Vázquez Saco no seu *Refraneiro* xa cita como simple dialoxismo este conto:

Díxolle o lobo á vaca que lambía a cría: "Qué sorte teñen algúns, que, se a lambera eu, habían de decir que a comía" (VS:912,23).

Do conto que imos ver a seguir tamén corre unha versión comprimida nunha frase proverbial que recolleu Vázquez Saco en Buciños. É esta: *Ay, Dios mío, s'a corda non creba ou o nó non desata, eu vou parar á casa do dono da vaca* (VS:930,18). Vexamos agora o tal conto na forma extensa.

O lobo, o zorro e a vaca [2298]

Os zorros falábanche, i os lobos [2299], e entonces dunha vez díxolle un lobo que lle chamaban Xan i o zorro Pedro, e díxolle o Xan ó Pedro:

- *Pedro*.

- *¿Que*?

- *Vamos a aquela, a aquel prado que anda alí unha vaca, a ver se a podemos, se a podemos amarghar pa comela*.

E díxolle o Pedro:

- *Pos vamos*.

E entonces a vaca tiña o cadarno, e vaise o Pedro, que era o zorro, envolveu a corda todo arredor da cintura e soltou o cadarno [2300], i a vaca estivo moi quietiña. Pero despois, desque o desenvolveu, a vaca deu un tirón e escapou co zorro de arrastro, e chegou ó portelo e escapou, por riba do portelo e saltou, iba aí, i o lobo miraba pó outro:

- *Ai Pedro, ten conta, ten conta, terma que te escapas*.

Dixo:

- *Boa, ¡carallo!, con tal que a corda non parta, e o nó non se desata, eu vou dar á casa do dono da vaca*.

[2290] No texto: *cô fuciño*.

[2291] Na versión do libro de MB-EH:38, aparece reproducido este conto coa variante *pacendo*.

[2292] No texto: *sí*.

[2293] No texto: *â vaca*.

[2294] Na versión do libro de MB-EH:38, di *envexa*.

[2295] ELS: 47. No texto: *O lobo y-a vaca*.

[2296] No texto: *n-o monte*.

[2297] No texto: *comel-a*.

[2298] XPP:69. Recollido en Vilareda, Palas de Rei.

[2299] No texto: *i-os lobos*. Tamén no resto do texto: *i-o zorro*, *i-a vaca*, *i-o lobo*.

[2300] No texto: *soltou o, o cadarno* (sic).

O lobo e a vaca que pace [2301]

[Unha vez] Era o lobo e, claro, había unha vaca bastante flaca, e dixo..., e foi xunto a ela.

E dícelle:

- ¿Vesme comer?

- Pois claro.

E dixo:

- Pois deixa que engorde un pouquiño, home, porque non teño nada que comer.

E dixo:

- Bueno, bueno.

- Hei de apastar por aquí, eu hei de estar por aquí. En canto me vexas gordiña, vés.

- Bueno.

Con que, en canto estuvo máis gordiña, veu e [o lobo] dixo:

-¿E logo, agora vés?

- Si. Bueno, pois mira, para que eu non che escape, amárrate, amárrate a unha pata miña. Amárraste polo cuello e amárraste á miña pata porque así non che escapo.

Amarrouse. A vaca, como xa estaba gorda e boa, bota a correr polo camiño abaixo para a casa co lobo.

E dice o lobo:

-¡Ai, se a corda non rebenta e o lazo non se desata, vou para a casa do dono da vaca.

O raposo e o lobo [2302]

Levaron unha ola de leite para comer á mediodía. E entonces o raposo como era máis listo có lobo díxolle:

- ¡Ai, ho! chamáronme. ¡Eh, eh! ¿Quen chama aí? É para facer un afillado.

Entonces o raposo iba face-lo afillado e o lobo quedaba cavando. E [o raposo] bebeu un pouco leite. Cando volveu:

- ¿E como lle puñeches ó afillado?

- Empezadiño.

- Bueno.

De alí a outro cacho volveu a dicir que o chamaban.

E volveu o raposo pro bebe-lo leite e o lobo quedou cavando.

-¿E como lle puñeche, ho?

- Medianiño.

Seghiron cavando un pouco. E de alí a un pouco.

- Pois teño que volver facer outro afillado, que me chaman.

- Bueno, pois vai logo.

E foi a acabar de bebe-lo leite.

Cando veu:

-¿E como lle puñeche, ho?

- Acabadiño.

- Bueno, vai acabado.

E despós, cando iban comer o leite encontráronse sin el.

Pois comicho tu, Pois comicho tu, era dicirlle o lobo ó raposo, o un ó outro, que o comera un e que o comera o outro.

Dixo [o raposo]:

- Pois nada, hai que facer unha prueba. Hai que poñerse aí deitados ó sol, e ó que lle sude máis o lombo é o que comeu o leite.

O lobo estaba cansado de cavar e adormeceu, e o outro non estaba cansado, e así que adormeceu, mexoulle polo lombo.

[2301] CLV:136-137. CNC:68. Recollido en Viso-Miñotos-Ourol-Viveiro, Lugo [sic], de Carmen González, de 72 anos de idade en 2000.

[2302] CNC:65-66. Recollido en Roupar, Xermade, Lugo, de Guillermina Rochela, de 73 anos de idade en 1999.

Entonces despois chamouno e díxolle:

-¡Ai, ho! E fuche tu o que comiche o leite, mira como te-lo lombo todo sudado.

E colorín colorado este conto foi acabado, e aghora deprendido.

A confesión do lobo [2303]

Un lobo foi confesarse, e acusouse [2304] de que facía moitas mortes entre a facenda dos labradores. O cura púxolle de penitencia que non podía comer máis de libra e media de carne cada día, porque senón pecaba. Marchouse o lobo para o monte e alí encontrou unha besta coa cría. Nada máis velas, dixo:

- O que con Dios anda, con Dios alumea; esta [2305] *é a libra e aquela é a media*.

Tiróuse a elas e comeunas.

Outro día encontrou unha vaca i un becerro, e nada máis velos, dixo:

- O que con Dios anda, con Dios alumea; esta é a libra e aquel [2306] *é a media*.

Tirouse a eles e comeunos tamén.

E así continuou o bon do lobo, igual que moitos homes, facendo das súas sin faltar á lei de Dios.

O lobo penitente [2307]

Habíache un lobo que era o terror de tódolos vesiños porque el cousa que collía, cousa que comía. Pero falando un día con unha vaca díxolle:

- Home, ti estás fasendo moi mal o que fas, porque vés e cómenos, e logho teste que ir a confesar.

E díxolle el:

-¡Coño!

- É que se non, cando morras, vas para o inferno. E teste que ir a confesar.

Entonses o lobo colleu e marchou. E foise o home a confesar. Cheghou xunta ó cura e díxolle:

-¿E ti que fas por aquí?

-¡Hombre!, porque eu moi bo non son, a veses mato porque teño fame, pero outras veses, xa por visio, collo e mato tamén —dixo el.

-¡Iso está moi mal, iso está moi mal!, iso non podes faselo. Que a veses mates porque queres comer, aínda, pero que mates así sin máis, non está ben. Bueno, vouche poñe-la penitensia. Mira, durante a semana ti non podes comer máis que libra e media de carne.

Dixo:

- Libra e media de carne non me vai cheghar a nada, pero bueno, se é a penitensia non teño máis remedio qu'a faser.

E o home íbaseche moi pensativo camiño do monte, pero nesto, mira vir unha vaca e unha beserra, e di el:

- Éche ben serto, qu'o que anda con Dios, Diolo axuda. Esta é a libra.

A vaca era a libra e a beserra era a media.

O lobo víngase do raposo [2308]

Esto (…) Érase o lobo e o sorro que son dous ghrandes amighos, e entonces encóntranse no monte e os dous teñen fame, e dicen:

[2303] FINGOI: 36.

[2304] No texto: *acusóuse*. Tamén no resto do texto: *Marchóuse*, *encontróu*, *coméunas*, *Tiróuse*, *coméunos*, *continuóu*.

[2305] No texto: *ésta*. Tamén no resto do texto.

[2306] No texto: *aquél*.

[2307] CNC:116-117. Recollido en Estribela, Marín, Pontevedra, de Dolores Rosales Santiago, de 72 anos de idade en 1999.

[2308] CNC:56-57. Recollido en Lérez, Pontevedra, de Teresa Tilve Tobío, de 56 anos de idade en 1997.

-*¡Oes!, hai unhas vacas contra alí apastando… ¡Lástima dunha, che! Que ben o iamos a pasar cunha vaca así.*

E dícelle:

- *O caso que…* —dícelle un contra o outro—, *o caso é que non che temos corda. ¿Con que a prendemos pa levala?*

E dícelle un:

-*¡Oes!, e se foras* —dille o zorro—*, e se foras a aquela casa, ¿oes? E que che deran unha corda.*

E anímanse, e vai un e marchou a buscar unha corda. Efectivamente, traen a corda e prenden a vaca. E o sorro, como xa a palabra o di, é ben…, moi astuto, mandou que levara o lobo a corda, que chamara pola vaca; e o sorro detrás falándolle á vaca, que de cuando en cuando lle daba unha arañada, arañáballe para que a vaca camiñara.

Pero tanto arañou, tanto a arañou que a vaca tanto sufría montada polo lobo; levábao arrastro e o lobo máis que lle encargou:

-*¡Por favor, pero non a arañes tanto que me estás levando arrastro!*

O sorro quería facerllo adrede, e máis lle arañaba á vaca, máis lle arañaba á vaca, hasta que a vaca, pois, doulle un tirón e botou a correr. E non a puderon coller e enfadáronse os dous. Hasta que trascurrido un tempo volvéronse a encontrar, e o lobo tíñalle ganas, e dixo:

- *Ti mas vas a pagar. A que me fixeches aquel día, ti ma vas a pagar.*

Colleu e, mui listo o lobo díxo: "*Nada, a este voulle facer unha trampa que, vaime pagar a que me fixo aquel día*".

Dille:

-*¡Ola!*

-*¡Ola!* —Salúdanse.

Entonces dícelle o lobo:

-*¡Oes, ho! Hai un río aí abaixo que muitas truitas ten, muchacho. ¡Mira que comín truitas eu hoxe! ¡Ten unhas truitas preciosas!*

E dille o sorro mui…, ¡cunhas ganas de comelas…!, dice:

-*¡Bah!, xa o creo, pero eu non che sei nadar, ti sabes nadar pero eu non che sei.*

- *Non te preocupes. Mira. ¿E se buscamos unha cesta? E átocha cun cordel aquí ó cuello, ti queda fóra…* —dícelle o lobo ó zorro—. *Ti quedas fóra e bótasme a cesta no río e eu boto as truitas todas pa cesta, e cando a teñamos chea, pois botamos a andar e…*

- *Pois de acuerdo, de acuerdo, pois mui ben.*

- *Pois ¡vale, vale, estupendo!*

Entonces o sorro queda fóra coa cesta, cunha cousa colgada ó cuello, cunha cordita ou algo colgada no cuello e tendo man da cesta. E o outro veña a truchas, o lobo veña a truchas, pero as truchas non eran truchas en si, eran pedras. Porque ese foi o engaño, un castigho que lle quería facer. As truchas eran pedras; e o lobo veña pedras pa cesta, veña pedras pa cesta, pedras pa cesta. E cando xa casi estaba vencido, que xa casi o arrastraba po río, dícell'o zorro:

-*¡Oes!, por favor, non me botes máis truchas, quítame unha. ¡Quítame unha que me pesa muito!*

- *Si, si, non te preocupes.*

En vez de quitarlle unha, bótaballe outra.

-*¡Ai vai!*

- *Pois inda me siguen pesando, che. ¡Quítame outra!*

-*¡Si, si!*

E en lugar de quitarlle outra, botáballe outra. Ata que, por fin, o arrastrou e se marchou po fondo do río, afogado.

E entonces dice o lobo:

- *Aí te quedas, esto é para pagarche, pa que me pagues a que me fixeches. Esto es un castigo por haberme arañado la vaca e arrastrarme polo monte.*

Lembremos finalmente que, como quedou dito en 9.4.2.18., aprovéitase a pel do lobo para facer unhas coberteiras para cubri-la mulida e o xugo, costume que ten algo de crenza máxica.

Capítulo 10. O TRATO DO GANDO

Capítulo 10. O TRATO DO GANDO

10.1. O trato

O trato, actividade comercial de mercar e vender gando e de conducilo ós grandes mercados de consumo, debe de se-la máis antiga manifestación do sector secundario en Galicia. Na comercialización dos produtos do sector primario debeu de ser anterior á comercialización do viño, dos produtos lácteos, dos do mar, do liño e doutros recentes como a madeira ou a pedra.

O gandeiro que cría o gando e o tratante que llo merca na casa ou na feira para metelo nos circuítos comerciais pertencen a dous sectores económicos distintos. O gandeiro precisa vender excedentes para capitalizarse e o tratante coñece un mercado para eses excedentes que lle ofrecen unha interesante marxe de beneficio. A profesión do tratante debe de ser, en consecuencia, a máis antiga do sector secundario galego. Gandeiros e tratantes exercen dúas profesións complementarias pero rivais, porque o labrego-gandeiro tradicional sabe que no mercado da feira tradicional el entra un pouco a cegas e porque esta actividade tamén o afasta da agricultura que é o sustento certo: o propio refraneiro xa ve unha certa incompatibilidade entre a agricultura e a gandería, como veremos en 10.6.

A ciencia do tratante galego non está descrita en tratados técnicos nin económicos senón no arquivo público e anónimo da lingua, da fraseoloxía e da tradición oral.

Por iso cómpre que lle dediquemos este capítulo.

O lector poderá encontrar aquí a descrición do sistema das feiras, as picardías dos tratantes e as renartes solercias dos gandeiros, noticias de cando as feiras se celebraban nas igrexas, das primeiras remesas de tenreiras galegas ó mercado de Madrid (que asentaron no mercado un concepto que despois sería unha marca comercial), a formulación, a principios do século XX, das necesarias reformas estruturais e a posta en funcionamento desas reformas co mercado de Santiago e coa posterior feira electrónica de Silleda.

O trato é, polo tanto, unha actividade comercial da que a feira é unha parte, o escenario e, se se quere, o momento culminante. Pero o tratante manexa outros saberes comerciais e os medios de transporte son un elemento esencial da súa actividade.

Nos capítulos anteriores fomos describindo a ciencia do gandeiro; neste imos describi-la técnica comercial do tratante, aínda que non ocultarémo-la solercia con que o gandeiro se defende nun mercado desigual.

Hoxe (como veremos en 10.14) as feiras de gando entraron nunha disciplina que esixe transparencia recíproca entre vendedor e mercador. Pero ata hai pouco, a operación comercial de mercar e vender unha res era, como diximos, un dos momentos culminantes do enxeño e a picardía rural. Mercador e vendedor tenteábanse con sutilezas de xogadores de póker simulando non teren interese ningún en que a operación se realice. A intervención aparentemente casual dunha terceira persoa, o *chufón* ou *home bo*, acababa de darlle aire teatral a un acto comercial que só era estritamente comercial para un observador profano pero no que os contratantes estaban xogando, en certa medida, o prestixio persoal, cousa moito máis importante cá propia res. Na epígrafe 10.5.3. leremos tres preciosas descricións das sutilezas dos tratantes e gandeiros.

Empezaremos, coma sempre, por poñer á mostra o material etnolingüístico.

13471 **choio** *s.m.* Asunto frutífero nunha feira, ou en calquera negocio. (VLLM).

13472 **trato** *s.m.* Comercio de gando. (Común).

13473 **afeirar** *v.* Ver FEIREAR 1 /13476. (ERG).

13474 **baraxar** *v.* Negociar, mercar. *Na casa íbanse arregrando bastante ben. Con algúns cartos que mandara o pai baraxaban unhas becerras, i os bens, traballados a xeito, dábanlles pan pra o ano*. (GB2:201).

13475 **feirar** *v.* Ver FEIREAR 1 /13476. *Xan e Farruco eran dous compadres, que si non tiñan vacas á medias, levábanse ben d'abondo pra viviren como d'a familia. Os dias vinte de cada mes iban xuntos á Maceda pra feirar. Iban con dous burros cargados de viño e volvían co-eles cargados de castañas e galiñas* (An8:3). (Común).

13476 **feirear 1** *v.* Andar no trato, comprar e vender gando nas feiras. Na lingua común tamén designa mercar ou vender nunha feira calquera outro produto, non só gando. (Burón, Com1, ERG, JMP, Morei., Piquín, Ram., Vala).

13477 **tratar** *v.* Feirear, comerciar co gando. *Fora na feira de Rubián. Entón adicábame a mercar e vender gado. Ganaba hastra vinte pesos por semá tratando nos bois* (Cou3:27). *¿Oíches, Rubio?, nunca cho contei por aquelo da prudencia, pero eu fun un mal home, un mal fillo, un mal pai, en moitos anos de andadura, xa antes de ti naceres, moito antes, trataba nas feiras, chambra e tesoira, balouco, ferro no peito, duro o estómago e ancho o costurón da blusa e a boca negra de palabras aprendidas...* (XVP3:12). (Cou3, Pont1, XVP3).

13478 **treitar** *v.* Ver TRATAR /13477. *En gado treitarás, e ganarás*, *O que en gado treita, medra*. (VLLM).

13479 **andar no trato** *loc. v.* Comerciar nas feiras. *Eu iba ós becerros, e claro, como andaba no trato, sempre m'encontraba c'aquiles bellos por as feiras* (Sete-L). (Fri., Sete-L, Vilaf).

13480 **facer boa feira 1** *loc. v.* Facer un bo trato na feira ou, por extensión, en calquera negocio. *Xan e Farruco eran dous compadres, que si non tiñan vacas á medias, levábanse ben d'abondo pra viviren como d'a familia. [...] Cando facian boa feira, atracábanse de pulpo, viño e pantrigo hastra enchérense* (An8:3); *Non me baixou unha perra dos trinta, e fixen boa feira* (XCV). (An8, ERG, LT2, XCV).

13481 **facer cancha** *loc. v.* Facer unha boa venda, facer negocio. *Non fixen cancha na feira*. (ERG).

13482 **facer feira 1** *loc. v.* Chegar a un acordo vendedor e comprador, remata-lo trato. *Se non baixas do que pidiche non facemos feira* (LCA3). Vázquez Pintor tamén recolle a variante *facer a feira*. *Tedes que facer feira, por eses cartos non debe quedar a vaca sen vender nin mercar -atrévese un tratante anónimo, sen chambra* (XVP2:147). *Mira que quen fai a feira cedo é quen mellor a aproveita, non sexa que despois...* (XVP2:143). (LCA3, XVP2).

13483 **faguer feira** *loc. v.* Ver FACER FEIRA 1 /13482. - *Per'home... ¡tanta présa levas? - Éme tarde, ho. - Ven elí, que se cadra inda faguemos feira. - ¿E como? A muller non cha quero; eu soo merco vacas. - Tampouco ch'a vendo, ¿ou que coidabas? ¡Ai que demo de Chafallas! - Boeno, acaba. - ¿Canto dás pola toura?*. (PL8:52).

Máis val unha hora de trato que cen de traballo (ERG:trato)
Máis vale onza de trato que arroba de traballo. (XTC4) [1]
Vale máis onza de trato que arroba de traballo. (Carb-L2; Carte.; XTC4) [2]
Vale máis onza de trato que libra de traballo. (ERG:trato; XTC4; MVN2:102; Riba1:209; ZM:246; VS) [3]
Vale máis unha onza de trato que unha arroba de traballo. (XTC4)
Non é bo trato mercar caro e vender barato. (ERG:trato; MC:91)
Se queres facer bo trato, vende caro o que merques barato. (ERG:trato)
Non hai tratos sin quebrantos. (Carb-L2)
Tempo hai de mercar e tempo de feirear. (VLLM:2,21) [4]

1 Recólleo en Baños de Molgas.

2 O informante di que co trato se vive mellor porque dá máis. No texto: *Val* (Carb-L2); *Val, mais* (XTC4).

3 No texto: *Val* (ERG); *mais* (XTC4 e Riba1). Saco engade o seguinte equivalente: *Más vale onza de trato que libra de trabajo* (R. Marín). Temos tamén estes paralelos: *Vale máis onza de goberno cá libra de traballo* (XMSH:162), *Val máis onza de cencia ca libra de traballo* (VS).

4 Llópiz: *ai*, *témpo* no segundo caso; recólleo en Verín.

Todos vides ao trato, todos ao plato. (Carb-L2)
Trata en novelas e ara con vacas vellas. (XTC4)

O cruceiro de Fromariz [5]

Dicían que alí aparecía unha vaca con sete becerros, que había cochos alí, unha cocha con ranchos e que, ás veces, aparecían gatos que se enrodelaban nas pernas..., todas esas cousas de bruxería que había antes.

Aló polo ano corenta e oito, aproximadamente, eu caseime e vin pra aquí o corenta e seis e sería ós dous anos ou tres anos, pois, aquí a xente..., todos me tomaban o pelo: ¡Cando pases por Fromariz! ¡Cando pases por Fromariz! ¡Bon medo tiña eu a Fromariz despois de pasar a guerra e os anos que eu tiña!

Baixábase por un sendeiro que hai aquí, que pasaba por xunto duna casa que dicen a de Corbelle, que era máis cerca sin ir polo camiño por onde vén a carretera e ó chegar, hai un saltadoiro, ó chegar á fonte, e ó chegar á fonte e ó saltadoiro sentín ruídos e dixen:

-*¡Carajo, que pode haber aí!*

E como xa me viñan tanto co conto de que alí aparecía esto e aparecía o outro, pareime un pouco e o ruído tamén se parou. E seguín, atravesei pa diante, que alí cruzan os camiños, e senteime así a unha sombra e dixen, ¿que pode ser esto? E, ó pouco rato, pasaron catro becerros presos cada dous e unha mula atrás, e un ganadero que terminei conocéndoos.

¿E que era? Que levaban daquela, pasaban becerros pa Puentes de García Rodríguez, que llelos pagaban dez pesetas máis en quilo e había que pasalos de noite porque de aí iban pa Martiñán e de aí logo se meten na provincia da Coruña, e unha vez metidos na provincia da Coruña xa non tiñan problema. E entonces xa tiñan un enlace, pasábanos a esa hora que era de noite, e tiñan un enlace en Martiñán pra saber si andaba por alí a garda civil ou había algún vigilante... E si non aparecía nadie, nin cousa ninguna, xa pasaban, e senón, porque era a única carretera, tiñan que cruzar, que despois metíanse en Puentes, xa lle los pagaban a dez pesetas máis en kilo, e eran becerros xa grandes.

Entonces baixaron, que hai así unha baixada que aínda se ve agora, e ó meterse máis abaixo dixeron os outros:

-*¿Van todos?*

-*Van.*

E entonces un dos que iba con eles deu a volta, e eu quedeime calado e seguín despois que había outro empalme. ¡E que era!, que os viñeran pesar... aquí onde está a casa do Vigo, que había alí un taberneiro que lle dicían Odolino e viñan da báscula de pesalos, e así habían ser os becerros dos outros, ou os años, ou as ovellas, ou a cocha dos oito ranchos e con ese motivo punieron alí aquela cruz e despois desapareceu.

10.2. O tratante

O tratante ou triquillón é o home que comercia co gando. Dicimos home porque, mentres a comercialización inicial do leite foi obra de mulleres (as leiteiras), a compravenda do gando parece que sempre foi cousa de homes.

Ctel1 cóntanos que á feira, ademais do paisano, van dous tipos de feirantes: o carniceiro, que compra para matar, e os tratantes que o fan para vender. *O carniceiro vai el sólo á feira, vai pola súa conta e compra pra si, que xa paga moitos impostos. Os tratantes, en cambio, teñen o seu bando, teñen compañía e fan as operacións xuntos. E para iso cada un pon unha cantidade de diñeiro. Un di 'Eu avalo en tanto'. Outro di 'Eu avalo en tanto'. Outro di 'Eu paso'. E así. Pero despois, ó remate da feira, repártese a ganancia entre tódolos do bando, entre os que son da compañía.*

[5] Abadín4:65. Recollido en Terraxís, Moncelos.



Un tratante nunha feira (c. 1905).



A feira por veces é escola de tratantes.

Os tratantes tiñan ata non hai moito tempo todos unha mesma indumentaria gremial:

> *Os tratantes vestían a blusa azul ou grisalla, limpa, coma nova; gastaban pelo ou pucha, escasamente o sombreiro. Eran homes grosos, os máis deles, facían cigarros, falaban alto e non se lles entendía, tiñan carga de tose* (XVP2:138).
>
> *¿Oíches, Rubio?, nunca cho contei por aquelo da prudencia, pero eu fun un mal home, un mal fillo, un mal pai, en moitos anos de andadura, xa antes de ti naceres, moito antes, trataba nas feiras, chambra e tesoira, balouco, ferro no peito, duro o estómago e ancho o costurón da blusa e a boca negra de palabras aprendidas* (XVP3).

Como imos ver agora na voz *triquillón,* esta palabra colleu connotacións negativas primeiro entre os labregos e gandeiros e posteriormente tamén entre os propios triquillóns. Como gremio chegaron a ser alcumados *Cuadrilla de Pepa a Loba* [6] denominación hiperbólica que, en calquera caso, manifesta que o gandeiro vía o tratante como gremio que actuaba en grupo para impoñerlle os seus intereses de xeito implacable. A rivalidade gandeiro-tratante é manifesta [7].

> *Por outra parte esa vida de 'trato' producía, e segue a producir, unha psicoloxía especial. O tratante está acostumado a relear e a presenta-la mercancía como moi boa, xogando case sempre no fío da mentira e do engano. Deste xeito, o tratante trócase nun home de pouca verdade xa que para el esta non ten sentido, pois todo é mirado sub especie negotii. E isto faino un tanto materialista e relativizador de tódolos valores* (Merca:148).

Non te fíes de ninguén
pra vender ou pra mercar,
porque nunca has de topar
en feiras home de ben. [8]

Pero en certos aspectos os tratantes non deixan de ter sona de homes formais e de palabra. Así, os seus contratos eran sempre orais, sen papeis nin máis formalidades que darse a man: *Nas feiras de antes o trato de axuste respetouse sempre. Quen máis quen menos carecemos de estudios e o que valía era o apretón de mans. No 80% dos casos actuábase con honradez* [9].

Entre labregos honrados existe o prurito de que a palabra é o máis importante documento da transacción. Óese dicir con certo orgullo que *a palabra dun é coma unha escritura* ou que un *non ten máis que unha palabra,* ou que un *non come a palabra que dá.* Así quedou plasmado no refraneiro: *A lengua fai trato* (Morei2), claro que non faltan refráns contrarios que refiren que o que conta é o papel escrito, como tamén recolleu Vázquez Pintor: *a palabra é a da feira, xa sabes, non é a mesma*.

O oficio do tratante tivo que adaptarse ás novas circunstancias do mercado europeo. Agora vén sendo regulado pola nova lexislación europea que establece a identificación dos animais, o movemento gandeiro [10] e os matadoiros, e todo iso implica controis veterinarios e cumprimentar unha documentación que a moitos

---

6 *Pepa a Loba* naceu en 1833 e cóntanse por centos as historias dela dende O Courel á Estrada (onde din que naceu na parroquia de Couso) e dende a Terra Chá á Costa das Antas, lugar no que conflúen dúas parroquias (Rigueiro e Beariz), tres concellos (Boborás, Beariz e O Irixo) e tres dioceses (Tui, Santiago e Ourense): esta profusión de lugares fai imposible que tódalas tradicións sexan dunha mesma muller real, aínda que non pode desbotarse que algunha muller bandoleira se fixese chamar así para aproveita-lo prestixio do mito. *Pepa a Loba*, capitana de bandoleiros, aparece na memoria popular, por veces, como cruel e sanguinaria e, por veces, como arquetipo do bandoleiro bo e socorredor de pobres. Disque tiña unha máxima que se coñece en tódolos lugares onde hai noticias das súas andanzas: *Home morto non fala*. Actuou primeiro nas zonas centrais de Galicia e despois cambiou porque xa a perseguían. Estivo presa e sábese que en 1863 pasou do cárcere de Mondoñedo ó cárcere de mulleres da Coruña. Suponse que foi xulgada pero xa non queda documentación, porque desapareceu en épocas nas que pola carestía do papel se ordenou para toda España utiliza-lo dorso da documentación que se consideraba xa vella. Lugares de nacemento danse varios porque axiña se fixo unha figura lendaria pero nada certo se sabe da data e lugar da súa morte. Otero Pedrayo fala dela n'*O Fidalgo,* Ramón Cabanillas escribiu o seguinte: *E dende alí ollaban as veredas/ e os camiños travesos/ coa carabina ó lombo, / do paso dos civiles en axexo, / os espías da Loba e de Xan Quinto, / ladróns e cabaleiros* (GEG:*Bandidaje*). O artigo máis sólido dende o punto de vista histórico é de Carlos Reigosa (CR1), que, quince anos despois publicaría unha biografía novelada (CR2). Bieito Iglesias (BIA:77-84) tamén fixo o seu retrato da personalidade da bandoleira.

7 Isaac Díaz Pardo no seu texto *O feirante* (16.2.) recoñece a necesidade desta figura para o comercio pero extrapola a outras actividades comerciais voraces que o magoaron toda a súa vida.

8 Fragmento dunha poesía de Prado *Lameiro*, "Un consello" (PL2), que copiaremos completa no capítulo 16. *A vaca na literatura*. No texto: *bén*.

9 Jose Antonio Real, representante da Asociación de Tratantes, nunhas declaracións a *El Progreso*, 13.02.2003.

10 Especialmente, o Regulamento CE 1/2005, de 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas (DOUE 3, do 5.01), que entrou en vixencia o 5 de xaneiro de 2007, e que modificou substancialmente as condicións do transporte do gando, en especial cando este supere as 8 horas.

lles resulta excesiva. A propia concentración do gando en menos granxas de maior tamaño (como vimos polo miúdo en 9.1.4), que trouxo consigo a redución á metade do número de explotacións gandeiras nos últimos 10 anos, tamén afectou ós tratantes: *As grandes granxas están comprometidas cos matadoiros, e aí non entran os tratantes*, queixábase un de Oleiros. Por último, a redución do número de feiras, concentradas hoxe en Santiago, Silleda e Castro de Rei, seguidas de lonxe por Agolada, Rodeiro e algunha máis, obriga a realizar maiores desprazamentos. Por estes motivos, o futuro do oficio vai encamiñado á súa desaparición: *Feiras non hai, gando tampouco. ¿Como vai haber tratantes?*, preguntábase un transportista de Garabás, terra tradicional de tratantes. Outros aínda manteñen a esperanza: *Mentres haxa gando e alguén necesite comprar ou vender, aí estarán os tratantes para pechar a operación* [11].

13503 **becerreiro 1** *s.m.* Tratante de becerros; que só merca becerros. ERG di que se lle chama así cando os compra para a mata, non para cría. Barro e CLam3 din, en cambio, que compran para a vida ó revés dos tratantes que compran vacas para matar (Barro, CLam3, CP, Dum., ERG, San., SComba).

13504 **beserreiro** *s.m.* Ver BECERREIRO 1 /13503. (Maía).

13505 **branco 1** *s.m.* Tratante que merca becerros e que os mata para vende-la carne. (XLF).

13505b **compañía** *s.f.* Conxunto de tratantes que actúan coordinados na feira para consegui-los mellores prezos de merca e de venda. (Ctel1).

13506 **correate** *s.m.* Persoa que se adica a merca-lo gando para outros. (LP).

13507 **chalán** *s.m. desp.* Tratante de gando. (Ancares, Com1, SCHU).

13508 **feirante** *s.m.* Tratante de gando, home que negocia nas feiras. (Burón, Cab., CP, ERG, Sob).

13509 **feireante** *s.m.* Ver FEIRANTE /13508. (Cod., Com1, ERG, Gro1, JMP).

13510 **feiriante** *s.m.* Ver FEIRANTE /13508. (ERG, Piquín).

13511 **galapeiro** *s.m.* Tratante ou intermediario que cobra ben e que gaña das dúas partes. (Com1).

13512 **gandeiro 3** *s.m.* Persoa que comercia co gando. (Común).

13513 **larchán** *s.m.* Tratante de gando. (VLLM).

13514 **latarego** *s.m.* Ver FEIRANTE /13508. Llópiz recolle as voces *latarego* e *latarengo* co significado xeral de "tratante" en Sarria; noutro momento, recolle de Noriega Varela *xente latarenga*, co mesmo significado: "feriantes, chalanes". Pero cando explica o refrán *O que vacas non ten e vende xatiños, de algures lle vén* matiza o concepto de *latarengo* como "ladrón de ganado" (e faino equivaler ó cast. *cuatrero*). Lence Santar escribe, sen dar máis explicacións, que *en Riotorto chaman 'lataregos' ós veciños d'Espasande de Abaixo* (Mondo4:37). Espasande de Baixo é unha das parroquias de Riotorto. (VLLM).

13515 **latarengo** *s.m.* Ladrón de gando. VLLM4 recólleo como adx.: *xente latarenga*. (VLLM, VLLM4).

13516 **mantedor** *s.m.* Persoa que compra gando e que o vende ó pouco tempo. (Ort).

13517 **marchante** *s.m.* Tratante de gando. *¿Véndel-a cuxa? Vendo, se hai marchante pra ela*. (LCA3).

13518 **meiador** *s.m.* Intermediario nun trato. Ver HOME BO /13528. *Partide a diferencia, di o meiador*. (LCA3).

13519 **rifante** *s.m.* Ver BRANCO 1 /13505. Ver comentario á mesma voz no capítulo da cortadoría (6.2.1). (XLF).

13520 **traquillón** *s.m. desp.* Ver TRIQUILLÓN /13523. (Fra.).

13521 **tratante** *s.m.* Profesional do comercio de gando. (Común).

13522 **triquillante** *s.m. desp.* Ver TRIQUILLÓN /13523. (Común).

13523 **triquillón** *s.m. desp.* Tratante de gando. Ctel1 díxonos en 1999 que *tratante*, para el, era unha palabra castelá e que a galega enxebre sería esta. *Eu son triquillón*. Pero no 2004 xa nos dixo que *'triquillón' é unha palabra bruta e sempre o foi* e que *'tratante' era máis fina, porque o triquillón tiña a sona da trampa*. O noso informante en Marín afirma que *triquillón* é tratante de porcos. (Común).

13524 **triquiñón** *s.m.* Mediador da feira que intervén espontaneamente para concertar un prezo discutido entre vendedor e comprador. (LCA2).

13525 **vaqueiro 2** *s.m.* Persoa que merca e vende gando vacún. (ERG).

13526 **xateiro** *s.m.* Tratante de xatos. *No mesmo cuarto ondia están os xateiros agora, xogaba todo o que ganaba* (Cou3:31)., (Burón, Cab., Cou3, Cre., Maía, Piquín, Suarna, XER).

13527 ***feriante** *s.m.* Ver FEIRANTE /13508. (Burón, ERG).

13528 **home bo** *loc. s.* Persoa de confianza que intervén nas transaccións da feira achegando as posicións de vendedor e comprador. (Com1).

13529 **vertolán** *adx.* [Feirante] pouco hábil por ser caprichoso, inconstante ou veleidoso no trato. (VLLM).

13530 **vertoleiro** *adx.* Ver VERTOLÁN /13529. (VLLM).

[11] "Tratantes, os intermediarios do millón de vacas" n'*A Nosa Terra* 8.02.2007.

Bota á feira que un peso has de ganar dalgunha maneira. (VS)
Choqueiro e choqueira sempre fan feira. (Carb-L2; XTC4; VS) [12]
Díxolle o pai ós fillos: "Nunca andedes a xornal; tratade que, si perdedes, tamén aprendedes". (VS)
Tratas e perdes, tamén aprendes. (VS)
Feirante son que merco e vendo, ás veces gano, ás veces perdo. (VLLM:2,10) [13]
Latarego son que merco e vendo, nin gano nin perdo. (VLLM:2,10) [14]
Ises xateiros de boa carteira, que levan o gado de Lugo a Castela. (VLLM:1,142) [15]
Labrador chalán non colle viño nin pan. (MVN2:94; UCA:18; UCA2:44; VS) [16]
Non hai feirante que non sea volteante. (FBB8)

Aghora que me vendiches
podes ter moito diñeiro,
pódeste meter tratante
anque sexa sardiñeiro. [17]

Carallo qué burro eras
que hasta *joder non sabías,*
eu cando jodín as túas
de cada ves dúas crías. [18]

Cuando eu era chalán
compraba vacas moi boas,
jodinche túas irmáns
e salíronme malroas.

Il é tratante de vacas
e tamén o é de burros;
coitada da Cristelina,
que leva dous macanudos. [19]

10.3. A feira



Feira tradicional en Montederramo nos anos 1950-60.

[12] *Choqueiro* é o alcume co que se coñece ós xamoneiros das terras ourensanas de Maside e Dacón. O refrán alude á ganancia que reporta o oficio. Tamén serve de advertencia ós mozos, para que teñan en conta que, ás veces, as caricias conducen ó casamento, porque *Bicos e apertas non fan meniños, mais tocan a vispras* (ERG:bico). VS tamén cita *O peliqueiro i-a peliqueira iban os dous xuntos prá feira.*

[13] Llópiz: *as véces gano, as veces pérdo*; recólleo en Arbo (Pontevedra).

[14] Recólleo en Ribarteme (As Neves, Pontevedra).

[15] Llópiz di que recolle isto (que ten tódalas trazas de ser fragmento dun poema en versos basicamente hexasílabos) de Elio Vilariño en Pintín de Meda (Becerreá); non explica máis ca que *xateiros* son os tratantes en xatos.

[16] No texto: *cólle* (MVN2), *nin colle* (UCA), *chalan* (UCA2). Saco recolle as dúas formas: *non colle* (que toma de Valladares e de Carré) e *nin colle*.

[17] SCHU6/2/643. No texto: *podes te* (sic)*, sea.*

[18] SCHU5/2/38bis. No texto: *qu'asta. Malroas* é o mesmo que marondas, estériles, falando de gando.

[19] LimiaB:89.

Aínda que o tratante nunca deixou de mercar gando directamente na casa do gandeiro, a feira é o momento e o lugar por excelencia de transacción das reses. As feiras, que orixinalmente foran un privilexio concedido pola autoridade a un determinado lugar, converteron eses lugares en cabeceiras de comarca e pequenas capitais dun territorio comercial. Os días estipulados para unha determinada feira chegaron nalgún caso a convertérense en segunda denominación toponímica dese lugar (*O Dazaoito, O Doce* como veremos en 10.3.3.) e, por veces, na única (*A Feira do Trece* ou xa simplemente *O Trece* en Sedes, Narón; e *O Vinteún* en Canedo, Ourense [20]). Viceversa, o nome do lugar onde se realiza a feira pasou a designar un día do calendario ou mesmo unha clave numérica para dicir ocultamente unha cantidade de diñeiro ou mesmo unha determinada carta no xogo de cartas (*monterroso, o mosteiro, agolada, a cañiza, rodeiro* como veremos en 10.7.).

FEIRAS E MERCADOS DE GANDO EN GALICIA con control veterinario 2009			
PRO	CONCELLO	LOCALIDADE	PERIODICIDADE
C -7	Betanzos	Belavista s/n	Quincenal
	Melide	Rúa XoséR.Fernández s/n	Mensual
	Moeche	Mercado de San Ramón	Semanal
	Narón	O Trece, Sedes	Mensual
	Padrón	Feirón. A Barca, Padrón	Anual
	As Pontes de G.Rodríguez	A Fraga s/n	Quincenal
	Santiago de Compostela	Mercado de Gando. Amio	Semanal
LU -19	Abadín	Gontán	Quincenal
	Becerreá	Campo da Feira	Quincenal
	Bóveda	Campo da Feira	Mensual
	Castro de Rei	Campo da Feira	Semanal
	Castroverde	Campo da Feira	Quincenal
	Chantada	Campo da Feira	Quincenal
	O Corgo	Campo da Feira	Mensual
	A Fonsagrada	Campo da Feira	Quincenal
	Friol	Campo da Feira	Mensual
	Lourenzá	Mercado de Gando	Quincenal
	Monforte de Lemos	Campo da Feira	Mensual
	Monterroso	Campo da Feira	Mensual
	Palas de Rei	Campo da Feira	Mensual
	Paradela	Campo da Feira. Pacios	Mensual
	O Páramo	Campo da Feira	Mensual
	Pedrafita do Cebreiro	Campo da Feira	Quincenal
	Sarria	Campo da Feira	Semanal
	O Saviñao	Escairón	Mensual
	Viveiro	Campo da Feira	Quincenal
OU -8	O Carballiño	O Carballiño	Quincenal
	Castro Caldelas	Recinto feiral	Quincenal
	Chandrexa de Queixa	Feira do Concello	Quincenal
	Maceda	Recinto feiral	Quincenal
	Manzaneda	Feira do Concello	Mensual
	Verín	Polígono Industrial de Pazos	Quincenal
	Viana do Bolo	O Toural	Quincenal
	Xinzo de Limia	Recinto feiral	Quincenal

[20] A *Feira doVinteún* era a do concello de Canedo que ocupaba toda a parte ó norte do Miño que dende 1942 pertence xa ó concello de Ourense. Celebrábase nun campo que estaba entre a aldea de Cudeiro e a de Oira, na cruz das estradas de Vilar de Astrés coa de Santiago. Polo tanto, daquela convivían a feira do 21 na banda dereita do río e as do 7 e 17 na banda esquerda. Esta cambiou da Praza Maior (antiga Praza do Campo) ó Campo de San Lázaro (antiga leprosería), despois ó Campo dos Remedios e, contra 1970, cambiou para o actual Campo da Feira, que curiosamente volve estar na banda dereita do río e no que en tempos fora Concello de Canedo (Ourense4).

PO -10	Agolada	Recinto feiral	Mensual
	Dozón	A Gouxa. Vidueiros	Quincenal
	A Estrada	Recinto feiral	Outros certames
	Forcarei	Cachafeiro	Mensual
	Lalín	Recinto feiral	Semanal
	Meis	O Mosteiro	Quincenal (+2 sen veterin.)
	Rodeiro	Recinto feiral de Río	Anual
	Silleda	Bandeira. Manduas	Quincenal
		Semana Verde de Silleda	Semanal
	Vila de Cruces	Recinto feiral	Mensual

O número de feiras en Galicia vaise mantendo, porque, se unhas morreron, outras novas naceron. Pero o cadro anterior amosa con claridade que o trato do gando desapareceu de case todas elas e que quedan moi poucas feiras nas que aínda se venda gando.

As razóns hai que buscalas no proceso de concentración, no indispensable control sanitario realizado por veterinarios e na especialización. A isto haille que sumar que as estradas que hoxe chegan a tódalas aldeas e os camións especializados ofrecen ó tratante enormes facilidades para iren merca-lo gando que desexan directamente á corte do seu propietario.

A feira de Santiago é xa exclusivamente de gando e, por concentra-la maior parte das feiras desaparecidas en Galicia, é unha das máis importantes de España. Esta feira impuxo unha disciplina mercantil e un control sanitario que fixo case imposibles as vellas picardías. Pero a aparición da feira electrónica de Silleda posiblemente aumente aínda máis o ritmo de concentración e especialización das feiras galegas.

Isto significa que as feiras en 2009 xa teñen pouco que ver co que eran tradicionalmente. Fronte a unha feira local en cada pequena comarca, no último terzo do século XX todo se concentrou nas grandes feiras de Castro de Rei, de Silleda e de Santiago de Compostela [21]. A situación é semellante á do resto de España, desde que se crearon os oito Mercados Nacionais de Gando. As feiras agora son instalacións xigantescas, naves de 15.000 m^2, con espazos aínda maiores para aparcadoiro e miles de metros cadrados destinados a carga e descarga.

Todo isto beneficiou a sanidade das transaccións pero as enormes dimensións non dan ocultado a crise do sector que salta á vista no feito de que esas enormes instalacións só se utilizan un día á semana.

Os cambios son fundamentalmente tres. Primeiro, o número de gandeiros que acoden á feira reduciuse de maneira visible, porque se reduciu drasticamente o número de explotacións e porque os que sobreviven, en granxas cada vez maiores, aplican unha estratexia de ciclo pechado e autoabastécense de gando. Segundo, tamén diminúe constantemente o número de reses, porque con moitas menos vacas prodúcese o mesmo leite. E, terceiro, o número de visitas dunha res á feira tamén minguou: antes era habitual que unha res pasase por catro ou cinco donos e outras tantas visitas á feira; agora, sometidas as vacas a unha explotación intensiva, a súa vida útil acurtouse tanto que poucas son as que pasan por máis de dúas mans [22].

En consecuencia, a maior parte do gando que entra hoxe na feira é gando de recría (en Silleda no 1º semestre de 2008 representaba o 64%), é dicir, tenreiros sobrantes das explotacións de leite, ben por seren machos ou por seren femias non necesarias, xa que as explotacións adoitan quedar aproximadamente co 20% das tenreiras para a reprodución e despréndense das restantes. O resto, os animais adultos que van á feira, é gando para o sacrificio. Hoxe a vida útil dunha vaca hoxe discorre nunha soa explotación. Todo mudou.

13484 **axe** *s.m.* Ocasión propicia, para mercar ou vender, na feira do gando. (VLLM).

13485 **barallo** *s.m.* Movemento nas feiras. Tamén se aplica, no sentido informal, a falar sen tino. Lémbrese BARAXAR /13474. (LP2).

13486 **barrosa 3** *s.f.* Feira. No barallete. (Morei).

13487 **feira** *s.f.* Mercado de gando e tamén doutros produtos ou maquinaria agrícola. (Común).

13488 **feirada** *s.f.* Conxunto das operacións económicas realizadas por unha persoa nunha feira. (VLLM).

13489 **feirado** *s.m.* Feira. *Si vas a feirado, ou vai*

[21] A sonada *Feira do Doce* de Agolada, que hai décadas presenciaba a transacción de miles de cabezas, agoniza lenta pero definitivamente, con cifras medias de 278 becerros en 2005 e de 123 en 2009 (“Agolada, la resistencia ferial imposible”, en VG2:24.01.2010).

[22] Unha vaca de aptitude láctea empeza a súa función reprodutora ós 24 meses, mantén un rendemento produtivo máximo durante dúas ou tres lactacións e nese tempo é explotada con tal intensidade que ós cinco anos dá mostras de esgotamento e destínase a carne, co que apenas vive a metade do que vivían as súas antecesoras. Véxase que tamén o mesmo acontece noutros mercados coma o cántabro: http://80.34.38.142:8080/cantabriaeconomica/index.php?envio=noticia&idnoticia=2535.

enganar ou volve enganado. (VLLM).

13490 **feiral** *s.m.* Campo onde se celebra a feira. *Á entrada d'o feiral* é o título dunha poesía de Xavier Prado *Lameiro* (PL6:2). *Meu queridiño Marcos: Saberás c'o vinteun baixei a Ourense c'angueira de ver si no feiral d'o Bellau vendía unha cría d'a miña Cereixa. ¡A condanada non saiu á nai! Era maumiña* (Aleixos1:4). (Aleixos1, ERG, PL6).

13491 **feiriña** *s.f.* Feira pequena, ruín. (JMP).

13492 **feirón 1** *s.m. desp.* Feira de pouca importancia. MVN define como "Especie de mercado, ó feria; pero de mucha menos concurrencia y animacion que la verdadera feria" e ERG explica que é un aumentativo de *feira* con valor despectivo. En Ibias denominan así ó mercado, diferenciándoo da feira propia. Crecente Vega diferencia claramente entre *feira* e *feirón* neste texto: *A aldea de Gontán pertence á freguesía chairega de Quende (Abadín), a escasamente un quilómetro da capital do concello. A súa feira -unha das máis tradicionais en Galicia- remóntase ao Medioevo e ten lugar o primeiro e o terceiro sábado de cada mes, sendo a primeira delas 'A Feira' por antonomasia, mentres que á segunda dinlle 'O Feirón'* (XCV:527). (ERG, LCA1, MVN, XCV).

13493 **feirón 2** *s.m.* Nalgunhas comarcas, a última feira do mes, que é a máis importante. Neste caso o aumentativo de *feira* é apreciativo. (ERG).

13494 **feirote** *s.m.* Ver FEIRÓN 1 /13492. (ERG, IBA, LCA1, MVN).

13495 **toural 1** *s.m.* Campo onde se celebra a feira do gando. Nalgunhas parroquias ou mesmo lugares, que non teñen feira de gando, hai un sitio chamado "O Toural" e que, segundo din os veciños, é o lugar onde se axuntaba o gando para trasladalo a pé ou en camión a unha feira. (Gud5, Mez., Pentes1, Vil., XER).

13496 **xaspea** *s.f.* Feira. Na verba dos arxinas. (CHG).

13497 **campo da feira** *s.comp.m.* Terreo público no que se celebran as feiras. (ERG).

13498 **feira dos novelos** *s.comp.f.* Feira mala, fuleira. (Lérez).

13499 **feira franca** *s.comp.f.* Feira boa. (VLLM).

13500 **raiar** *v.* Iniciarse, abrirse, ter lugar o comezo [da feira]. O noso informante define *raiar a feira* como "ter lugar o seu comezo ás doce. Despois enche-se e faise un feirón como en ningures. *A feira raia ás doce*" (Parade.:299). Pero, dado que *raiar* significa "alborear" cando vai seguido de palabras como *alba*, *luz*, *día* e similares, coidamos que en Paradela raia ás doce, pero noutros sitios raiará a outras horas. En FINGOI:63 fálase dunha feira que remataba á noitiña: *Pero naide lle perguntaba nin siqueira cánto pedía por ela. Ao fin, cerca da noite, cando xa logo se acababa a feira, un vello perguntóulle en cánto lla daba...*. En LCA3:98: *Como a feira dura todo o día, acoden a ela vendedeiras de pan, de froitas, de queixos; de polvo ou pulpo...*. Con todo iso, hoxe é frecuente que as feiras se abran pola mañá cedo e contra a media mañá ou ó mediodía vanse desfacendo ou xa están desfeitas, aínda que segue habendo algunhas que se abren pola tarde, coma o feirón de Pontedeume (que xa non ten trato de gando). (Parade.).

13500b **valer pouco a feira** *loc. v.* Haber pouca xente na feira e, como consecuencia, non poder facer negocio. (CVal).

A feira sempre é feira: pra uns con gano, pra outros con perda. (VLLM:2,19) [23]
Feirante son que merco e vendo, ás veces gano, ás veces perdo. (VLLM:2,10) [24]
Latarego son que merco e vendo, nin gano nin perdo. (VLLM:2,10) [25]
Na feira mala, o que un perde, o outro gana. (VS)
Non hai feira mala, cando un perde outro gana. (Oroso3)
Non hai feira mala, o que non perde, gana. (MC:91)
Non hai feira mala, o que un perde, outro gana. (ERG:feira; XTC4; MVN:246; MVN2:94; VS; Grou) [26]
Non hai feira mala, o que un perde, outro o gana. (GEG:feira; VS)
Non hai feira mala: un perde e outro gana. (XLF2:45; VS) [27]

23 Recólleo en Ordes.

24 Llópiz: *as véces gano, as veces pérdo*; recólleo en Arbo (Pontevedra).

25 Recólleo en Ribarteme (As Neves, Pontevedra).

26 No texto: *N'hai, qu'un, pèrde* (MVN); *N'hai, pérde* (MVN2); *gaña* (Grou). VS recolle as formas *Non hai, Nun hai e N'hay*, e engade estes equivalentes: *No hay feria mala: lo que uno pierde, otro lo gana* (R. Marín), *No hay feria que para todos sea mala, pues lo que unos pierden otros lo ganan* (R. Marín).

27 XLF2: *ún, gaña*.

Nunca hai feira mala: o que un perde, outro o gana. (VS)
O que non se vende nista feira, venderase noutra calesqueira. (VLLM:2,22) [28]
O que se gana en moitas feiras pérdese logo nunha. (VLLM:2,17) [29]
Pérdese nunha feira mala o que en outras dez se ganara. (VLLM:2,17) [30]
Si non foi nista feira, será na que veña. (VLLM:2,22) [31]
Unha boa feirada cobre moitas malas. (VLLM:2,17) [32]
A festa é a feira das mulleres. (Carb-L2)
A lengua fai trato (Morei2) [33]
A muller e a manteiga, adobalas pra levalas á feira. (EGE:99)
A muller i a manteiga adóbanse prá feira. (XTC4)
¿A que has de ir á feira? -¡Vender a laceira! (VS) [34]
Moitos hai que van á feira a vender a laceira. (Carb-L2) [35]
¿Vas á feira? -Vou vender a fame e comprar a laceira. (Piquín) [36]
Alpeira, nena, alpeira, que vas para a feira. (RCI:123) [37]
Armentío fai a feira, que non gaita, fole e castañetas. (VLLM:2,4) [38]
Canto máis gando, máis feira. (VLLM:2,24) [39]
Dúas mulleres e unha tenreira non fan feira. (VLLM:2,8) [40]
Gando fai feira, que non gaita grileira. (VLLM:2,4) [41]
As contas da casa non dan coas da feira. (LT2:46; Lal4) [42]
As contas da feira non dan coas da lareira. (VS) [43]
As feiras non ligan co tempo. (VLLM:2,5) [44]
Baraxa do gado, perdendo ou ganando. (VLLM:2,82; ZM:43) [45]
Baraxo de gando, perdendo ou ganando. (UCA2:41; VS)
Baraxa do gando, vendendo ou mercando. (VLLM:2,82) [46]
Cada cal di da feira como lle vai nela. (ACC) [47]
Cada un di da feira como lle vai nela. (ERG:feira; Ferr4; MRL) [48]
Cada un fala da feira como lle foi nela. (XTC4)
Cada un fala da feira como lle vai nela. (XTC4; VS)
Cada un fala da feira según lle foi nela. (ERG:feira; Riba1:209) [49]
Cada un fala da feira según lle vai nela. (XMSH:39; ZM:49; UCA2:27; VS; Camb1:96; Lourei2; Corme1:506;

---

28 Llópiz: *n'ista*, *n'outra*.
29 Llópiz: *n'unha*; recólleo en Toques (Melide, A Coruña).
30 Llópiz: *n'unha*, *qu'en*; recólleo en Noia.
31 Llópiz: *n'iste* (sic); di que o recolle en Zas (A Coruña).
32 Llópiz explica que esa é a esperanza de tódolos feirantes.
33 O contrato verbal obriga. Rivas Quintas localízao en Moreiras do Pereiro de Aguiar.
34 VS: *qu'has, d'ir.*
35 Na feira moitos encontran a súa ruína.
36 Emprégase *laceira* co significado de fame.
37 *Alpeirar* é para AO2 "hacer un trabajo" (*Alpeirouche ben agina aquel traballo*); "levantarse " (*Alpeirou agina* "se levantó enseguida"); "marchar" (*Vou alpeirar de aquí*); "andar" (*Alpeira pronto, anda*). E para ERQ3, "salir de una enfermedad, dejar cama".
38 Llópiz recolleuno en Rodeiro.
39 Llópiz: *mais*.
40 Llópiz: '*tenreira,'*; di que o recolle dunha colección de refráns galegos de Bos Aires.
41 Recólleo en Donramiro (Lalín, Pontevedra).
42 As contas que un bota non lle coinciden coas que lle fan os demais. No texto: *cas* (Lal4).
43 VS: *cas*.
44 Llópiz: *có*; explica que en Galicia moitas veces as festas maiores e mailas feiras quedan deslucidas pola chuvia. Recólleo dun albeites do Carballiño.
45 Llópiz recólleo de Carré Aldao, que di *Baraxo de gando.* ZM: *Baraxa co gando.*
46 Llópiz recólleo en San Xulián de Facha, onda Monterroso.
47 Cada quen opina sobre os seus asuntos conforme o proveito que saca deles. No texto: *Cada qual diz da feira como vai nela*.
48 Cada un conta a historia segundo a súa visión persoal. No texto: *dí* (ERG, MRL).
49 No texto: *asegún* (ERG); *n'ela* (Riba1).

Salc2; JASA2:349; JASA3:218; MVN:246; Baiona3; SCD:20; Porr4) [50]

Cada un fala na feira según lle vai nela. (VS; Mel2:463) [51]

Quen anda de feira en feira fala das boas, cala as avesas. (VLLM:2,19) [52]

Coa hucha baleira, non se fai feira. (XLFG) [53]

Crego na feira e mercader na ireixa, dígoche, Xan, que ben non me cheira. (VLLM:2,14) [54]

Festa na aldea, o gando se ensea. (Camb1:47; Castre.) [55]

Galicia sempre a primeira en pescados e terneiras. (VLLM:1,141) [56]

Ide mercar á feira, veredes como vos vai nela. (ERG:feira)

Ir á feira e non mercar é como ir á igrexa e non rezar. (VLLM:2,9) [57]

Non todos van á feira por mercar nin á iglesia por rezar. (VS)

Non todos van á feira por mercar nin á misa por rezar. (XLF2:47)

Non todos van á feira por mercar nin ao baile por bailar. (LCA2) [58]

Non todos van á misa por rezar nin á feira por comprar. (UCA2:47; VS; JASA:318; JASA2:389; JASA3:224) [59]

Non todos van á misa por rezar nin á feira por mercar. (ZM:158; VS)

Non todos van por mor de rezar á misa nin á feira por mercar. (VS)

Iste mundo éche unha feira de tolos. (VLLM:2,9) [60]

Moitos que están na feira miran e non mercan nada. (XLF2:42)

Na feira non sempre que se quer vender pódese facer. (ZM:144) [61]

Non hai pior feira que a vacía. (VS) [62]

O que foi á feira perdeu a cadeira. (VLLM:2,16) [63]

Onde queira faise feira. (XTC4)

Pedras pra baixo, lebres pra riba, mulleres prá feira e prá romeiría, o demo as acarría. (Carb-L2)

Pra feira, misa ou souto, non esperes por outro. (GEG:feira) [64]

Prá misa e prá feira non esperes por a compañeira. (VS; Carb-L2) [65]

Terra de angueiras, terra de feiras. (VLLM:2,21) [66]

Val máis unha feira que vinte mercados. (Baiona3)

Xastre traballador e amores de costureira sonche contiños da feira. (XTC4) [67]

---

[50] No texto: *asegún* (XMSH e ZM); *n-ela* (UCA2); *seghún* (Salc2); *d'a feira, segun, n-ela* (JASA2); *d'a feira, segun, n'èla* (MVN); *asegún* (Baiona3); *segundo* (Porr4); *según vaille en ela* (SCD). Saco dá os seguintes equivalentes: P.: *Ninguém conta da feira, senão como lhe vai nela* (Chaves), *Cada qual diz da feira como lhe vai nela* (Chaves); E.: *Cada uno dice de la feria como le va en ella* (Correas); C.: *Cada ú parla de la fira segóns le va en ella* (Alberola).

[51] Mel2: *n-ela*.

[52] Llópiz: *bóas*, *avésas*; recólleo en Monterroso.

[53] No texto: *valeira*.

[54] Supoñemos que *ireixa* debe estar por *irexa* para rimar con *cheira;* é un dos refráns que aluden a que os cregos adoitan ser malos feirantes, aínda que tamén cabe interpretar que o sitio dos curas non é a feira coma o dos feirantes non é a igrexa. Falaremos disto en 10.3.2.

[55] En Cambados, *ensear* ten o significado de protexer ou garda-las barcas na enseada. Neste sentido, o refrán expresaría que o gando, nos días de festa, queda repousando na corte.

[56] Llópiz cita esta var. de *En carne tenreira...* e *En sardiñas e tenreiras...*; aquí *terneiras*.

[57] Llópiz: '*â*, *mercar,*'; recólleo en Ferrol.

[58] No texto: *nen*.

[59] UCA2: *â.* JASA: *â misa, â feira*. JASA2: *a feira* (pero, *á misa*). Saco comenta: *Graciosamente glosado en la canción popular: 'Acoden onda tí moitos, / nena, mais non todos van / por mor de rezar â misa, / nin â feira por mercar'.*

[60] Llópiz: *eiche*; afirma que aparece como pé dun debuxo de Castelao.

[61] No texto: *quér*.

[62] VS comenta: Como anota M. Kleiser: *despluman al que llega*, e engade o equivalente castelán: *No hay peor venta que la vacía* (R. Marín).

[63] Llópiz: *â feira*; recólleo de V. Risco.

[64] En ERG: *Pra misa e pro souto non hai que esperar moito*.

[65] Carb-L2: *por a*. En VS: *Prá misa e pró muíño non esperes polo veciño.*

[66] Llópiz: *d'angueiras* (co significado de negocio, trato). Considera este refrán, recollido en Ourense, como equivalente do refrán cast. *Donde hay negocio, hay mercado*. Dános tamén estoutro: *As angueiras son as angueiras*, que lembra inmediatamente ó primeiro mandamento da economía: *Business is business*.

[67] Numerosos refráns e cantigas coinciden neste tratamento despectivo ós xastres por consideraren o seu traballo moi cómodo en comparación cos labores do campo. A modo de exemplo abondan este refrán: *Sete xastres fan un home* (XTC4, que Taboada explica así: *ten orixen o refrán en que nas aldeas dedicaban a sastre o que non servía pra o campo*; ou esta cantiga: *Sete xastres fan un home/ e vintacinco un testigo./ Fan falla cento cincoenta/ para firmar un recibo* (ERG:xastre). No texto: *sastre*.

A parranda que tiveches
día da feira da vila,
a parranda que tiveches
non a tes na túa vida. [68]

A túa nai e a miña
quedan na feira,
a túa, botando as cartas,
e a miña queda por meiga. [69]

-¡Ai, comadre! ¿E fuche á feira?
-Fun que non fora.
-¿Viche por aló ao meu maridiño?
-Vin que non vira.
-¿E que facía?
-Nin tallaba nin cosía
nin pagaba a quen debía.
-Vamos aló que mo dían, dían,
vamos aló que mo han de dar. [70]

-¡Ai, comadre! ¿E fuche á feira?
-¡Ai, comadre! ¿E fuche á feira?
-Fun, que non fora.
-¿E anduvéchea toda?
-Mais que ela fora.
-¿E a como valía o rabo do galo?
-A sete reás e mais un ducado.
-¡Doute ó demo! ¡Case era caro! [71]

Alá no Campo da Feira
hai unha festa que racha:
Fulaniño cunha cesta,
Fulaniña cunha sacha. [72]

Alá no Campo da Feira
hei de facer un convento
para meter catro mozas
que non topan casamento:
Unha é a da Cangueira,
outra é a Cangueiriña,
outra é Pepa do Rollo
i outra é a da Goriña. [73]

Anda ti, sapo pequeno,
iesterco du meu currale,
heite de levar á feira
venderte por un raiale. [74]

Anque me vexas chorar
non me poñas mala cara,
que moitos che van á feira
por ver e non mercan nada. [75]

Anque me vexas chorar
non me poñas mala cara,
que moitos che van á feira
pra ver e non mercar nada. [76]

Anque me vexas con outro
non me poñas mala cara,
que moitos que están na feira
miran e non mercan nada. [77]

As morenas son moi porcas,
son parleiras e larpeiras
e pra elas se casaren
tense que ir locir ás feiras. [78]

As morenas son moi porcas,
son parleiras e larpeiras,
e para que elas se casen
teñen que lucirse nas feiras. [79]

As mulleres de Galicia
sonche as máis traballadoras:
van á feira, fan o caldo
e tamén son labradoras. [80]

---

68 DBP:1275.

69 VLQ2:213: *tua* (na primeira estrofa) pero *túa* (na terceira), *e-a miña*. LimiaB:50: *i a miña*.

70 Capela.:255. No texto: *qué facía, dian*.

71 Capela.:156.

72 VD:276. No texto: *c'unha*. Cántana de bulra ós noivos e poñen o nome de cada un.

73 VD:276. No texto: *héi, i-outra*. Trátase dun caso histórico que aconteceu en 1894 ou 1895: este foi un cantar de escarnio creado por caprichos de antroido, entre dous barrios de Moscoso, parroquia de Pazos de Borbén.

74 SCHU5/2/201 (como fragmento dun desafío), SCHU5/2/206a.

75 LimiaB:40. E, polo visto, o mesmo acontece en todas partes: *Si presumes que te quiero/ porque te miro a la cara/ ¡cuantos que van a la feria/ miran y no compran nada!* (LimiaB:207, localizada en Proaza, Asturias); *Si piensas que yo te queiro/ porque te miro a la cara,/ es como el que va a la feria/ a ver y no comprar nada* (LimiaB:207, localizada en Castela).

76 VLQ2:224. No texto: *a feira*.

77 LimiaB:40.

78 LimiaB:49.

79 VLQ2:362.

80 RCI:53.

As rapazas de Saldanxe
son de regular para abaixo,
porque, cando van á feira,
pónlles a nai un refaixo. [81]

Cala a boca, miña xoia,
esterco do meu corral,
que mañá hei de ir a feira
e hei venderte por un real. [82]

Cala a boca, miña xoia,
esterco do meu poleiro,
que mañá heiche ir a feira
e heite vender por un peido. [83]

Cantaruxa, cantaruxa,
filla da cantaruxeira,
toda a semana na cama
i o domingo vas á feira. [84]

Chamácheme moreniña
e non me asañei por eso;
na feira todo se vende,
cada cousa no seu precio. [85]

Chamáchesme conexeira,
heite de mandar prender,
¿onde me viches na feira
con conexas a vender? [86]

Chiquirringuita
andaba na feira
con pan trigo
na faltriqueira,
sete nun lado
e sete no outro,
e todo, todo,
lle parecía pouco. [87]

Chus curruschús andaba na feira
cun torrezmiño na faltriqueira
preguntando polas mulleres.
-¿E ti que lles queres?
-Quérolles dar caldiño de lebres. [88]

Coidaches que te quería
porque che mirei á cara,
hai moitos que van á feira
e non van a mercar nada. [89]

Corre, Maruxiña,
corre ben lixeira,
que xa vén teu pai
ca vaca da feira. [90]

Déame o diñeiro miña tía
i eu quero ir a Xungueira
a comprar un fato novo
que mañá é día de feira
non vaias, oh meu sobriño,
que te train ameazado
porque non poñas fato novo
non deixas de ser morgado ... [91]

El lunes *fun á feira.*
El martes *veño dela.*
El jueves *me levanto.*
El viernes *me calzo.*
El sábado *non filo,*
que é víspera del domingo. [92]

Encargáronme unha criba
e trouxen unha peneira.
A culpa foi dun xastriño
con quen anduven na feira. [93]

Encargáronme unha criba,
e trouxen unha peneira;
a culpa foi dun xastriño
con quen atopei na feira. [94]

---

81 RCI:83. No texto: *a feira.* Saldanxe, parroquia da Pastoriza.
82 RCI:82.
83 RCI:72.
84 SCHU6/2/1627.
85 DBP:1515. No texto: *no'me*.
86 SCHU5/2/242. No texto: *ónde*. No orixinal sen signos de interrogación.
87 RCI:77.
88 RCI:53.
89 VLQ2:339; no texto: *miréi a cara, van a feira.*
90 FBB2:174. Recollida en Carril (Vilagarcía). No texto: *xa ben teu pai*.
91 SCHU4/2/17. No texto: *démo'o, ameaçado, nõ poñas, não deixas.*
92 XBG:458.
93 MVN4, DBP:478. No texto: *encargáronm'unha, d'un, n'a* (MVN4); *encargáronm'unha* (DBP).
94 DBP:2232. No texto: *encargáronm'unha*.

Encarnación do maestro,
esterco do meu corral,
heite de levar á feira
e venderte por un real. [95]

Eu pedinllo a unha nena
na canceliña da ieira
ela díxome que nonhe
que viña a xente da feira. [96]

Fun á feira de Mal Vexas*,*
vin pola de Arrastro Andes*;*
déitate e non te revolvas,
érguete e non te levantes. [97]

Fun á feira nun vinteoito,
por ir coa miña Sabela;
e, sin mercar nin vendéremos,
fixemos señora feira. [98]

Fun á feira pá rapada,
pedinlle de merendare,
déronme berete e medio,
non me quixeron cobrare. [99]

Hoxe aquí, mañá alí,
o outro día na feira,
vámola levando así,
esta vida pasaxeira. [100]

Hoxe aquí, mañá na feira,
hoxe aquí, mañá na feira,
para min non ha de faltar
unha vida levadeira.
A la la la la le lo. [101]

Hoxe aquí, mañán alá,
pasado mañán na feira,
deste modo vai pasando
esta vida pasaxeira. [102]

Hoxe aquí, mañán na feira,
para íremos pasando
unha vida pasaxeira. [103]

Hoxe de feira,
mañán de mercado,
anda o meu corpiño
sempre regalado. [104]

Meu filliño, non te cases
cunha muller pimpineira:
esas solo che son boas
pra se luciren na feira. [105]

Meu irmauciño querido,
dúrmete e non chores máis
que logo han chegar da feira
os nosos queridos pais. [106]

Miña mai deume unha tunda
co arco dunha piñeira,
miña mai teña vergonza
que vén a xente da feira. [107]

Miña mai deume unha tunda
co aro dunha pineira,
miña mai tiña vergonza
da xente que iba da feira. [108]

Miña nai arreboloume
co aro dunha pineira
miña nai teña verghonza
que vén a xente da feira. [109]

Miña nai deume unha tunda
co aro de peneirar,
se me chega a dar outra

---

95 LimiaB.074.
96 SCHU6/2/1081. No texto: *viñ'à.*
97 DBP:1090. No texto: *d'Arrastro*.
98 MLP3:211.
99 SCHU1/2/320. *Berete* é o nome dun peixe máis coñecido como escacho ou rubio. No texto: *pedínlle, deronme*.
100 Sob3.
101 SCHU1/2/322a. No texto: *hox'aquí, n-ha de faltar*.
102 Lama2:159.
103 SCHU1/2/322b. No texto: *hox'aquí.*
104 VD:297.
105 LimiaB:97.
106 LimiaB:97.
107 Zolle:224. No texto: *deum'unha, bergonza, bén.*
108 SCHU6/2/1396e. No texto: *qu'iba.*
109 SCHU6/2/1396f.

xa me podía matar.
E despois xa deume outra
co aro dunha peneira
e viña o resultado
que viña a xente da feira. [110]

Miña nai deume unha tunda
co aro dunha peneira;
mi madre, teña vergonza,
que vén a xente da feira. [111]

Miña nai deume unha tunda
co aro dunha peneira,
miña nai non ten verghonza
da xente que vén da feira. [112]

Miña nai deume unha tunda
co aro dunha peneira,
miña nai, teña vergonza
da xente que vén da feira. [113]

Miña nai deume unha tunda
co aro dunha peneira;
miña nai, teña vergonza
que vén a xente da feira. [114]

Miña nai deume unha tunda
co aro dunha peneira,
teña vergonza mi madre
que vén a xente da feira. [115]

Miña nai deume unha tunda
co aro dunha peneira.
Teña vergonza, miña nai,
que a xente vén da feira. [116]

Miña nai deume unha tunda
cunha vara dunha xesta;
miña nai, teña vergonza,
que vén a xente da feira. [117]

Miña nai deume unha tunda
nun aro dunha pineira;
miña nai, tenme vergonsa,
que vén a xente da feira
ai la la... [118]

Miña nai deume unha xota
co aro dunha peneira;
miña nai, teña vergoña,
que vén a xente da feira. [119]

Miña nai e maila túa
ámbalas dúas van na feira,
levan un cuxiño roxo
fillo da vaca marela. [120]

Miña nai e mais a túa
entrambas quedan na feira:
miña nai queda por bruxa
a túa queda por meiga. [121]

Mira Maruxiña,
non vaias ó Couto,
mira que anda un vello
dacabalo doutro.
Mira Maruxiña,
non vaias non vaias,
mira, vén o aire,
levántache a saia.
Mira Maruxiña,
non vaias á feira. [122]

Mosa do pano de seda
co fresco fostes á feira
por causa dese teu pano
teu pai vendeu unha leira. [123]

---

[110] SCHU6/2/1397. No texto: *deum'unha, viñ'a.*
[111] SCHU6/2/1396d. No texto: *deum'unha.*
[112] SCHU6/2/1396b. No texto: *doum'unha*, *tén*.
[113] Coto2:66, DBP:264. No texto: *doume* (Coto2); *doume, ven* (DBP).
[114] AdC2:216, SCHU6/2/1396c, Cur:257, Lama2:174, Tea:48. No texto. *déume, ven* (AdC); *doume, verghonza* (SCHU); *doume, ven* (Cur); *doume* (Lama2), *de unha, ven* (Tea).
[115] VLQ2:379. No texto: *doume, de unha*, *ven*.
[116] Atios. No texto: *ven*.
[117] VLQ2:379. No texto: *doume, con unha vara de unha xesta, ven.*
[118] SCHU6/2/1396a. No texto: *doum'unha, nun aro* (sic, cando esparabamos *cun aro*), *ténme.*
[119] LimiaB:99. No texto: *de unha, ven*.
[120] TCha:51.
[121] Coto2:66.
[122] SCHU1/2/268, SCHU4/2/337. No texto: *qu'anda*, *levántach'a saia*
[123] SCHU1/2/329, SCHU5/2/290.

Na feira amosáronme
o que nunca vin:
unha cabra cunha roca
e un cabrito cun violín. [124]

Na miña vida tal vin:
na feira de mentiráns,
unha cadela con pitos,
unha galiña con cans. [125]

No mercar e no vender
non vai de cote a ganancia,
vai no saber o que un perde
cando mui a présa gana. [126]

Non busques muller na feira
e menos na romaría;
busca as rapazas na casa
vestidas de cada día. [127]

Non busques muller na feira
e menos na romaría;
tes que atopala na casa
coa roupa de cada día. [128]

Non busques muller na feira
nin tampouco en romería;
buscarala na súa casa,
vestida de cada día. [129]

Non busques novia na feira,
e menos na romaría;
búscaa na súa casa
vestida de cada día. [130]

Non te cáseh miñ'irmánhe
támo-las dúah solteiras
pra irmos a romaría
a mas xuntiñas áh feiras. [131]

Olvidáchesme por probe,
eu non me asaño por eso:
na feira todo se vende,
cada cousa no seu precio. [132]

Os homes que van á feira,
non tendo gusto nin cartos,
mercan desque outros escollen
e levan o refugallo. [133]

Parrandeira, parrandeira,
que vas con uns ó mercado
e vas con outros á feira. [134]

Pensas que te quero moito
porque che miro prá cara;
hai moitas que van á feira,
miran e non mercan nada. [135]

Por ir ó baile, a ramallosa,
por ir ó baile perdín a moza,
por ir ó baile a ramalleira,
por ir ó baile perdín a feira. [136]

Quítate de aí porco cuchino
esterco do meu curral
heite de levar á feira
e venderte por un real. [137]

Se é que mañán vas á feira,
dime por onde, María.
Eu á feira teño que ir,
iremos en compañía. [138]

---

[124] RCI:98. No texto: *vín*.

[125] DBP:785.

[126] An5: 7. No texto: *N-o mercar. n-o vender, n-o saber, muy, presa*.

[127] LimiaB:109.

[128] LCA3. No texto: *têS*. Xaquín Lorenzo recolle esta variante asturiana: *El que queira buena moza/ no la busque en romería;/ vaya a su casa a buscarla/ en ropa de cada día* (LimiaB:247).

[129] GEG:feirante. Cita a Antón Fraguas, e explica que *previene al rondador que busca moza para casarse entre las que van a la feria 'bien compuestas' y, por el contrario, le aconseja el encuentro en la casa de sus padres con el traje de labor.*

[130] DBP:1930. No texto: *sua*.

[131] SCHU4/2/934. O *h* da grafía reproduce a aspiración dialectal do *s* final.

[132] XAM:27. DBP:2837: *m'asaño*.

[133] An6b:4. No texto: *â feira*. No facsímile aparece unha corrección manuscrita substituíndo *mercan* por *levan.* Na edición orixinal esta estrofa aparece formando parte dun desafío anónimo. Con todo, Pilar García Negro atribúe este desafío ó propio Lamas Carvajal (LAMAS CARVAJAL, Valentín (1998): *Poesía galega. Edición crítica e introdución de Maria Pilar Garcia Negro.* Ediciós do Castro, Sada; 373).

[134] Lama2:195; RC:170.

[135] Lama2:130.

[136] Zolle:233. No texto: *perdín-a*

[137] SCHU5/2/206c. No texto: *d'aí.*

[138] DBP:466, MVN:648. No texto: *S'é, ónde, qu'ir* (DBP); *S'è que, mañan, à feira, Maria, qu'ir, compañía* (MVN).

Se quére-la boa moza
non a vaias ver á feira,
vaina buscar á súa casa
o día da sementeira. [139]

Se quére-la boa moza
non vaias por ela á feira,
vaina buscar á súa casa
o día da sementeira. [140]

Se queres casar con sorte
non busques muller na feira,
que os amores non son firmes
nunha muller vendedeira. [141]

Tinguelindín matou a muller,
meteua nun saco, llevouna a vender.
Todos decían que era toucín
e era a muller de Tinguelindín.
Tinguelindín andaba na feira
cun bolín blanco na faltriqueira.
Tinguelindín na feira andaba,
tiña orellas e zaramoneaba. [142]

Tírate de aí, sapo coucho,
esterco do meu corral,
heite levar á feira do oito,
véndote por un real. [143]

Túa mai é unha pobre
e meu pai un caballero
andan or dous pola feira
e cun refaixo marelo. [144]

Unha vella fixo o caldo
antes de ir pra a feira,
e coa présa con que o fixo
meteu nel a tabaqueira. [145]

Vai de aí deño cativo,
esterco do meu corral,
heite de levar á feira
venderte por un raial. [146]

Vaite lavar, cara moura,
esterco do meu curral,
heite de levar á feira
e venderte nun real. [147]

10.3.1. Significación social das feiras

As feiras representaron, na sociedade rural galega, a principal fonte de abastecemento dos innumerables produtos e útiles que se necesitaban na casa e para os que non chegaban os medios propios. Tamén, a posibilidade de dar saída ós produtos e útiles que o labrego producía. Alimentos, roupa, calzado, aveños de labranza, enxoval doméstico etc., eran obxecto de compra e venda: esa era a razón de ser destas concentracións mercantís.

Pero a feira era moito máis ca iso, como se manifesta nas cantigas que acabamos de ver na epígrafe anterior. A feira ten múltiples funcións e significacións. Tamén, e non menos importante, era a ocasión de amplia-la vida social, de relacionarse cunha sociedade maior cá do lugar de tódolos días. A viaxe á feira aproveitábase para visita-lo médico ou a meiga, a botica, o avogado, o concello ou o cacique, e moitos noivados naceron ou desenvolvéronse alí:

Fun á feira das Travesas;
non fun mercar nen vender;
fun pra falar cunha moza
que m'está a dar que facer.

Claro que, como era previsible, tamén existe o pensamento contrario, quizais máis realista:

Non busques muller na feira
e menos na romaría;
busca as rapazas na casa
vestidas de cada día.

---

[139] MRV:80.
[140] MRV:44. Repítea na px. 74.
[141] LCA3.
[142] SCHU6/2/50.
[143] RCI:82.
[144] SCHU6/2/1470.
[145] VLQ2:365. No texto: *co-a presa, metéu, n-el*.
[146] SCHU1/2/333, SCHU5/2/206b. No texto: *daí*.
[147] MRV:109.

Non resulta estraño, polo tanto, que os paisanos aproveitasen para acudir coa roupa que reservaban para os días santos ou ocasións especiais. Así Rodríguez Troncoso [148] escribe:

> *Nas décadas ás que nos estamos referindo, os habitantes de Guntín e das demais aldeas, diferenciabámo-la roupa que se usaba os días de a diario ou días soltos (roupa vella) e a roupa que se puña os días de festa o os días de feira (roupa nova).*

Lémbrese tamén a pasaxe das *Aventuras de Alberte Quiñoi* na que o protagonista, que ata entón só ía descalzo, acode á feira estreando zocos, por moito que lle esmagaran os pés. Para os nenos era tamén a ocasión de ver por primeira vez que o mundo era máis cá súa aldea ou a súa parroquia: Ramón Piñeiro contaba que el descubrira a luz eléctrica cando o seu pai o levara á feira de Sarria, porque ata ese momento el só vira os candís.

No 1955 Leandro Carré Alvarellos [149] fai unha descrición pormenorizada dunha aldea. Un dos seus elementos é o tío Andrés de Fachal:

> *O tío Andrés de Fachal non é ricaz, mas valse ben. Ten algunhas terras e leva outras en arrendamento. Inda que a montaña non é axeitada para os cultivos, o tío Andrés sábelle tirar rendemento. Ten ademais unhas ovellas, a xovenca, e seique un par de bois, que diz que son de aparceiría; mas el véndeos con algún gaño na feira, e unhas cousas axudan ás outras.*

As feiras da primeira metade do século XX debían de ser aínda moi semellantes ás feiras medievais. O lugar no que se celebra a feira chámase mesmamente así *A Feira, O Campo da feira* ou *O Toural*. O clima húmido fixo que nalgúns lugares se construínse pendellos para que os comerciantes puidesen estar a cuberto e hai constancia de que entre os séculos XIV e XVI algunha vez os feirantes chegaron a acobillarse nas igrexas.

10.3.2. Limitacións eclesiásticas ás feiras

As Constitucións antigas do bispado de Ourense dos séculos XIV-XV prohibían facer feiras nas igrexas, o que quere dicir que daquela algunha habería [150]. E a prohibición reitérase en 1544, do que verosimilmente podemos inducir que seguía habendo feiras nas igrexas. E tamén se prohibiu facer feiras en días santos, prohibición que afectaba mesmo á venda e transporte de leña, pero permitíndose a venda de remedios para os enfermos que o necesitasen neses días [151].

> *Ponemos sentençia dexcomunion en todos aquellos o aquellas, omes e mulleres de qualquier estado e condiçion que sean que fesyeren ferias o mercados ou venden ou conpran algunas cosas dentro de la yglesia.*
>
> *Otrosi ponemos sentencia de descomunion e de una libra de cera para la fabrica de la yglesia en todos aquellos e aquellas, assi hombres como mugeres de qualquier estado o condicion que sean, que hizieren ferias o mercados o venden o compran algunas cosas dentro de las yglesias.*

Na Bretaña francesa, de clima similar ó galego, moitas vilas conservan aínda o mercado cuberto no que se facía a feira. En Galicia quedan moi escasos restos desas construcións (Agolada, Cuspedriños) e por iso non é inverosímil que en días de moita choiva a feira entrase na igrexa, na que estaban prohibidos os bancos de respaldo, aínda que os animais quedasen fóra.

Pero tamén hai unha curiosa prohibición: os clérigos non podían vende-lo seu gando nas feiras. A prohibición inclúese dentro dunha serie de actividades mercantís que se lle privan: ser usureiros, mercadores e taberneiros. Naturalmente poden vende-lo froito do seu traballo (gran ou gando) pero non na feira:

> *...pero bien permitimos que qualquier clerigo deste obispado pueda vender en grano el pan e bueyes e vacas que tuviere de sus beneficios y patrimonio, con tanto que no lo vendan por si mesmos en feria ni mercado; e permitimos que por sus criados o familiares puedan vender por menudo o granado el vino o el pan que de su renta o patrimonio toviere sin que por ello incurra en pena alguna [152].*

[148] Cañiza3:129.
[149] LCA6: 331-332.
[150] AGG: 125; 18,55.
[151] AGG: 255-256; 28-29, 12.
[152] AGG: 191; 28-29, 6,15.

Outro tipo de limitación tivo que ver coa data. O feito de que as feiras se fixesen preferentemente en domingos e días santos diminuía a afluencia de xente ós cultos litúrxicos. No primeiro terzo do século XIX, unha queixa do episcopado galego ó rei provocou que Fernando VII en 14.4.1829 prohibise as feiras en festivos pero o 30.5.1833 tivo que readmiti-las feiras en domingos e festivos, non só porque a prohibición supuxera unha enorme ralentización do mercado senón tamén porque a Casa Real deixaba de percibi-los correspondentes impostos. Na definitiva regulamentación só quedaron exentos o Xoves Santo, o Venres Santo e mailo día de Corpus (PPC: 85-86).

10.3.3. Feiras de sona

Como dixemos, o número de feiras de gando minguou drasticamente nos últimos decenios, sendo hoxe as de máis importancia económica por orde ascendente Castro de Rei, Silleda e Santiago de Compostela. Aínda que a prensa di que subsisten unhas cen feiras por semana (VG2:29.11.2009), as máis delas xa non teñan trato do gando: véxase o cadro da epígrafe 10.3. Pero ata o último terzo do século XX boa parte dos concellos tiñan a súa propia feira. E a tradición oral elevou algunhas delas á categoría de paradigmas. Das feiras modernas falaremos en 10.14.; das tradicionais imos falar agora.

Falando de feiras, presta le-los versos que Manuel María titula *Feiras* (16.1.).

13501 **dezaoito** *s.m.* Feira. Denomínase así polo día no que se celebra. *Facíame falta unha vaca, e fun ó Dazaoito. Entrando, mesmo, vin unha que tiña un rapás pola corda e que non me desgostaba. Cheguéime a ila*. (GB2:105).

13502 **doce** *s.m.* Feira. Denomínase así pola feira que se celebra en Agolada nesta data: *Feira do doce. Pasan as cabras coa perilla sucia, as ovellas sen la, os cabritiños doces, os carneiros dos grandes collóns; máis vacas marroas, preñadas, velliñas, do xugo, do leite; xatos; xovencas; carros de porcas da fruxe; cabalos gastados, descalzos, fracos...; mulleres con cestas de coellos vivos na cabeza, da orella ghicha, da deitada, brancos, amarelos, cardeños, mansos...; van todos de certo á feira do doce en Agolada, a se vender, mudar de vida ou de morte, ao peor* (XVP2:145). (VG2:13.07.1997;XVP2).

En cada comarca as feiras distínguense polo día en que se celebran: deste xeito na comarca de Betanzos a *feira do un* ou a *feira do primeiro* é a feira de Betanzos (ASI2). En cambio, se un de Carballedo (LU) fala da *feira do seis* estase referindo á feira do día seis en Orbán no concello estremeiro de Vilamarín, Ourense (XMGR1:45-46). Véxase o cadro da epígrafe 10.7.

As seguintes citas, que falan de diferentes feiras, só se comprenden situando o texto na comarca na que se localiza o diálogo.

- *O meu caso- dixo- non deixa de ter o seu chiste. Foi na feira do nove* (GB2:106-107).
- *Pasaron nove días e veu avisarme. Ben: xa sabía algo. Tardáballe nove días. Pró vintanove faltaban cinco; había tempo. [...] -Mira –díxenlle-; sigue coidando ben a vaca e lévasma ó vintanove* (GB2:106-107)
- *Era un pobre que ía á mañá cedo pra feira do 12...* (Randín2:48).
- *Criaren unha mula pol-o menos cada ano, que iba comprar a feira do vinte, en Navidá* (GB1:132).
- *Fun á feira nun vinteoito,/ por ir coa miña Sabela;/ e, sin mercar nin vendéremos,/ fixemos señora feira* (MLP3:211).

¡Arriba, putas, que aí veñen as San Lucas! (DXC:48) [153]

O que deixa a Coresma e as san Lucas, dígao a incrusa. (XMSH:51)

O que deixan a Coresma e as feiras de san Lucas, dígao a Incrusa. (VLLM:2,24; NevesC; VS) [154]

En Meira, nin boa xente nin boa feira. (Riba1:208)

Mentres o home vai a Meira, a muller queda na casa facendo a manteiga. (RCI:130)

[153] DXC: *ahí*.

[154] Alude ás feiras de Mondoñedo. No texto: *y-as*, *dig'o* (VLLM, VS); *inclusa* (NevesC). Llópiz di que o recolle de Leiras Pulpeiro.

Muller riseira non vai á feira de Meira. (RCI:131) [155]
Todos foron á feira de Meira i train a corda baleira. (XBG:479)
Xente de Meira, que vai prá feira. (VS; Riba1:208) [156]
Feira boa: a de Vilaboa. (VLLM:2,8) [157]
Feira bonita: a da Cruña, María Pita. (VLLM:2,8)
Na feira de Vilaverde, o que máis pon, máis perde. (ERG:poñer; XAM2:10) [158]
Pinte non pinte a feira en Maceda é o vinte. (RCI) [159]

A feira de Monterroso
tenche moitos orredores:
terra de moitos castaños,
¡vivan os sacudidores! [160]

¿A que non viches o que eu vin
na feira do Rapadoiro?
Vinticinco xastres xuntos
cosendo nun varredoiro. [161]

Adios á feira de Cambre,
feira de perde-lo tempo,
que por ela pasean
catro cabezas de vento. [162]

Adios, feira de Cambre,
feira de perde-lo tempo,
que por ela pasean
catro cabezas de vento. [163]

Adiós, feira de Famelga,
feira de pasa-lo tempo,
onde se van pasear
catro cabezas de vento. [164]

Adiós, feira do Cotón,
adiós, carballo grande,
donde se vende o xabrón. [165]

Adiós, feira do Cotón,
feira de perder o tempo,
donde se van pasear
catro cabezas de vento. [166]

Adiós miña burra,
miña compañeira,
teño que ir a patas
á feira a Nogheira.
Ai, miña burra vella,
teño que ir a patas
á feira a Nogheira
vender nas patatas. [167]

Adiós, miña meniña,
o embrijo xa cho vin;
un pouquiño máis abaixo
é a feira de Marín. [168]

Ai si viras o que eu vin
na feira de Monterroso:
vintecinco xastres xuntos
a cabalo dun raposo. [169]

Aquí me tedes de novo
que ando de feira en feira:
de Cuspedriños a Arzúa,
de Monterroso a Bandeira. [170]

---

[155] Non lle fai falla amosarse para casar.
[156] No texto: *pr'a feira*.
[157] Llópiz: *Feira boa a de Vilabóa*.
[158] No texto: *mais* (XAM2); *pòn* (ERG).
[159] Refírese ó concello ourensán de Maceda, que celebra dúas feiras, os días 4 e 20 de cada mes, sendo especialmente importante a segunda. A que corresponde ó 20 de xullo recibe xa a denominación de *Feira do Gando*, por antonomasia.
[160] RCI:86.
[161] DBP:2925. No texto: *vich'o*.
[162] LCA3. No texto: *perdel-o*.
[163] VLQ2:336. No texto: *perdel-o*.
[164] GEG:feira, Coto2:24. No texto: *pasar o* (Coto2). Das tres *Famelgas* que atopamos no Nomenclátor, esta da cantiga ten que ser, loxicamente, a da parroquia de Aguasantas, en Cotobade. A *Gran Enciclopedia* engade que *De la feria de Famelga, mencionada por el padre Sarmiento, ya no queda más que la copla del cancionero popular.*
[165] DBP:1587. No texto: *vend'o*.
[166] DBP:1591.
[167] SCHU1/2/279e. No texto: *qu'ir.*
[168] DBP:1065.
[169] SCHU4/2/607a, SCHU1/2/123b. No texto: *qu'eu.*
[170] Lama2:159.

Asombrado quedei
na feira de Vilariño,
o ver aquelas mociñas
todas borrachas de viño. [171]

É o ano trinta e oito
terceiro ano da gherra
e as mociñas de Piñeiro
teñen o pelo á perrera
e o vintetrés de aghosto
foron a Curtis á feira
e María das Lagharas
andaba moi lebracheira
e a María das Lagharas
como é tan señorita
foiche recorta-lo pelo
á casa da Saionita
... [172]

Esta feira de Doade,
feira de pasar o tempo,
onde se van pasear
catro cabezas de vento. [173]

Feira nova, feira nova,
feira onde acostumaba,
co meu tinguilinguilin,
o meu tinguilin levaba.
Trouguen dous xatiños novos
e leveinos á arada
co meu tinguilinguilin,
o meu tinguilin levaba
... [174]

Fostes á feira da Ponte
fostes e non vistes nada
e non vistes baila-lo sole
nunha mazán colorada. [175]

Fun á feira das Travesas
e comprei unha vaca moña;
á que se casa cun cego
nunca lle falta zanfoña. [176]

Fun á feira das Travesas;
non fun mercar nen vender;
fun pra falar cunha moza
que me está a dar que facer. [177]

Fun á feira de Caldelas,
comprei unha vaca mona
para o ladrón do meu vello,
que nunca lle faltan reformas. [178]

Fun á feira de Forzáns,
merquei unha vaca mona,
á que casa cun cego
nunca lle falta zanfona. [179]

Fun onha feira a Carnota
e quedei apalabrado
para ir á da Picota.
A o le lo ai o la lo. [180]

Indo pa feira de Allóns
todo el é mal camiño,
encontrámosche ó demo
metido nun buratiño. [181]

Miña nai e maila túa
ambas van en Paradela
vende-la becerra pinta,
filla da vaca marela. [182]

Miña nai e maila túa
van á feira a Paradela
vende-lo becerro branco,
fillo da vaca amarela. [183]

---

[171] VLQ2:384.

[172] SCHU4/2/127a. No texto: *trinteoito, vintetres*.

[173] Lama2:51.

[174] Parade.:351. Podese consultar completa no apartado 9.4.4. *Xungui-las vacas*, onde reunimos tódalas variantes do cantar *O gato do convento*.

[175] SCHU1/2/323; no texto: *nad', non viste baila-lo sole*. Tamén en SCHU4/2/299a; no texto: *nad'*, pero aquí *non vistes*. Recollida en Xaviña, Camariñas, e fai referencia á feira de Ponte do Porto.

[176] DBP:3710.

[177] LCA3. No texto: *Fun â, c'unha*, *m'está*.

[178] DBP:3561.

[179] VD:295, Coto2:57, Lama2:88. No texto: *comprei, c-un* (VD); *con un* (Coto2); *a que se casa cun cego* (Lama2).

[180] SCHU1/2/318, SCHU4/2/605. No texto: *ónha*.

[181] SCHU1/2/319, SCHU4/2/608. No texto: *pá, d'Allónse*.

[182] Sarria3. No texto: *ban, bende-la, baca*.

[183] RC:110, GEG:2,35; s.v. *amarelo*. No texto: *máil-a, vender o* (RC); *máila, vendé-lo* (GEG).

Miña nai e maila túa
van na feira da Portela
vende-lo becerro teixo,
ai, fillo da vaca merela. [184]

Miña mai e maila túa
van na feira en Lousadela,
vende-lo becerro pardo,
fillo da vaca marela. [185]

Miña nai e maila túa
van na feira en Paradela,
van vender a xata roxa,
filla da vaca marela. [186]

Miña nai e maila túa
van xuntas a Paradela
vende-lo becerro blanco,
fillo da vaca marela. [187]

Miña soghra e maila túa
van na feira da Bandeira
vende-lo becerro blanco,
fillo da vaca marela. [188]

Miña soghra e maila túa
van na feira da Portela
vende-lo becerro neghro,
fillo da vaca marela. [189]

Monforte, Chantada e Lugo
e a feira de Pantón...
e pra rapazas guapas
hainas en Escairón. [190]

Na miña vida tal vin
na feira de Carrizáns:
unha cadela con pitos,
unha galiña con cans. [191]

Na miña vida tal vin
na feira de Coirorroso:
vintasinco costureiras
a cabalo dun raposo. [192]

Na miña vida tal vin
na feira de Monterroso:
vintecinco xastres xuntos
de a cabalo dun raposo. [193]

Na miña vida tal vin
na feira do Carballiño:
vintecinco estudiantes
bebendo un vaso de viño. [194]

Na miña vida tal vin,
na feira do Rapadoiro:
vintecinco xastres novos
a coser un varredoiro. [195]

Na miña vida tal vin,
na feira do Rapadoiro:
vintecinco xastres novos
cosendo nun varredoiro. [196]

Na miña vida tal vin,
na feira dos maraghatos:
eras criado do cura,
sabes lamber ben os platos. [197]

Nunca viches o que eu vin
na feira de Monterroso:
vintecinco costureiras
de a cabalo dun cotroso. [198]

O cantar dos arrieiros
é un cantar que namora,
empeza no Chao de Limia
i acaba na Feira Nova. [199]

---

[184] SCHU1/2/326b.
[185] Zolle:224. No texto: *mai-la, ban, bende-lo, baca*.
[186] TCha:51.
[187] SCHU4/2/606a.
[188] SCHU4/2/606b.
[189] SCHU1/2/326a, SCHU4/2/606b.
[190] RCI:168.
[191] Coto2:72.
[192] SCHU1/2/324.
[193] MRV:35.
[194] Coto2:72.
[195] DBP:2566.
[196] MRV:35.
[197] SCHU1/2/325, SCHU5/2/209.
[198] RCI:32.
[199] SCHU1/2/346. No texto: *Chao de Lmia* (sic).

Se supéra-lo que eu vin
na feira de Monterroso:
vintacinco costureiras
da cabalo dun raposo. [200]

Se ti viras o que eu vin
na feira de Monterroso:
¡vintecinco costureiras
a cabalo dun raposo! [201]

Se ti viras o que eu vin
na feira de Monterroso:
vintecinco estudiantes,
a cabalo dun raposo. [202]

Se ti viras o que eu vin
na feira de Monterroso:
vintecinco xastres xuntos
de acabalo dun raposo. [203]

Se tu viras o que eu vin
na feira de Monterroso:
o abade de Lubeira
dacabalo dun raposo. [204]

Se tu viras o que eu vin
na feira de Monterroso:
sete frades dun convento
dacabalo dun raposo. [205]

Se tu viras o que eu vin
na feria dos maragatos:
vintecatro cabaleiros
dacabalo de dous gatos. [206]

Se viras o que eu vin
na feira de Monterroso:
sete xastres xuntos
da cabalo dun raposo. [207]

Si tu víra-lo que vin
na feira do Carballiño:
vintecinco xastres xuntos
bebendo un neto de viño. [208]

Teño unha vaca leiteira
que a comprei na Bandeira;
non dá leite, non dá nada,
xa non teño quen ma queira. [209]

Tu non viches o que eu vin
na feira de Marcelín;
unha cabra cunha roca
i un castrón cun violín. [210]

Túa nai a maila miña
van na feira de Aighualá
levan o becerro pinto,
fillo da vaca pelada. [211]

Túa nai ó óutor día
pola feira de Baiñas
levaba unha egua ruza
iba roghando cas fillas
é ben certo o que ti dis
non fui mentira nin conto
que me dixo o teu fillo
ghárdame unha pró meu tonto. [212]

Un veciño do lugar
ten unha vaca marela
que mercou na Feira Nova
por seis pesetas e media. [213]

Unha ves marchein prá feira,
prá feira dos do San Abás,
cadroume a millor muller,
costoume un par de reás.
Na feira da Ponte Olveira,

[200] SCHU1/2/123a. No texto: *d'a.*
[201] ACV1:113.
[202] DBP:219. No texto: *vinte e cinco*.
[203] MRV:110.
[204] LimiaB:147. No texto: *vín, de un.*
[205] LimiaB:147. No texto: *vín, de un.*
[206] LimiaB:147. No texto: *vín.*
[207] Ibias4.
[208] DBP:57. No texto: *bebend'un*.
[209] MRV:50.
[210] Gud5:81. No texto: *yon*.
[211] SCHU4/2/606c. No texto: *d'Aighualá*. ¿Será Agualada, parroquia de Coristanco?; a cantiga foi recollida en Añobres, Moraime, Muxía.
[212] SCHU1/2/327, SCHU5/2/28b. No texto: *ghardam'unha*.
[213] LimiaB:160.

dighocho de corazón, *e tamén un pantalón.* [214]
comprein dúas mulleres e unhas sirolas

Hai finalmente unha cantiga de feiras que, ben mirado, encobre unha maldición superlativa:

Fun á feira de Mal Vexas, *déitate e non te revolvas,*
vin pola d'Arrastro Andes; *érguete e non te levantes.* [215]

Volvendo da feira do Seis [216]

Había neste castro dúas mozas que ían a tódalas feiras que o día seis [217] de cada mes houbo en terras [218] de Orbán. Eran moi bonitas e ían sempre moi ben vestidas, só que o coiro dos brazos se lles vía todo e aínda máis e levaban [219] encolgados cada unha a súa carabeliña, de modo e maneira que os mozos, ó velas tan xeitosas [220], andaban tolos por elas e os máis arriscados atrevíanse a acompañalas, mais, ó chegar [221] ó sitio chamado O Salgueiriño, que está preto do castro, as mozas desaparecían sen se saber como e os acompañantes quedaban coa boca aberta.

Un día chegou á feira do día seis en Orbán un señor e mercolle unha xugada de bois a un home de Carballedo encargándolle moito que lle termara dela namentres el gobernaba na feira outros asuntos que tiña que gobernar.

O de Carballedo estivo tendo tino dos bois e o señor deu moitas voltas pola feira enriba e abaixo, mais, como [222] se fixera tarde, o home pediulle ó señor que o despachara axiña porque xa emprincipiaba empardecer. Pagou o señor a xugada e, ó saber que o vendedor era de Carballedo, díxolle que, xa que levaban o mesmo camiño, podía [223]axudarlle a traer os bois.

Foron xuntos un anaco e, ó chegar [224] ó Salgueiriño, o señor petou co pé [225]no chan, que se abriu de súpeto. Entraron todos polo burato e deron en andar por debaixo da terra ata que de pronto o señor lle deu un rempuxón ó home e díxolle:

-*Quédate aí nesa esquina*.

Dende ela e ben agachado viu como saían aquelas dúas mozas cos brazos recachados e cada unha co seu coitelo na man. Coidou o home que o seu fin era chegado, mais as mozas saltaron nun dos bois e de seguida o mataron. E despois unha delas deu en cheirar e díxolle ó pai:

-*Chéirame a carne de "cristianillo vivo"*.

Ó que o pai respondeu:

-*Non, miña filla, que é a pan cocido*.

E para o outro día, á saída do sol [226], seica soltaron ó de Carballedo sen lle facer nada de novo.

---

[214] SCHU1/2/339. No texto: *costoum'un*. San Abás podería tamén fragmentarse *do Sanabás, dos Anabás* etc.

[215] DBP:1090.

[216] A lenda corresponde ó Castro de Marcelle en Vilamarín (Ourense) e aparece recollida no *Catálogo dos castros galegos, Val de Vilamarín*. Ed. Nós, A Coruña 1927, 15. Citado por XMGR1:45-46.

[217] No texto: *6* pero máis en diante *feira do día seis*.

[218] No texto: *tempos*, supoñemos que por erro, xa que existe no concello de Vilamarín a parroquia de Orbán e porque, máis en diante, o propio relato fala de Orbán como un lugar.

[219] No texto: *, e levaban*.

[220] No texto: *mozos ó velas ten xeitosas.*

[221] No texto: *mais ó chegar*.

[222] No texto: *mais como*.


[223] No texto: *díxolle que xa que levaban o mesmo camiño podía.*

[224] No texto: *e ó chegar*.

[225] No texto: *pe*.

[226] No texto: *Sol*.

10.4. O gando na feira



Para que o gando estea tranquilo, tápasenlle os ollos.

13587 **chata** *s.f.* Defecto que devalúa un animal na feira. *Os bois non ten chata, nin siquera un alifás* (Cunt3). (Cunt3,PL1,Pont.).

13587b **maula** *s.f.* Gando ruín na feira. Tamén, defecto no gando, oculto ou non. *Entón tench'algún defeuto encuberto, algunha maula* (PL1:3). (PL1, VLLM).

13588 **obriga 2** *s.f.* Gando que mercan os feirantes para sacrificar. (ERG).

13589 **pranta** *s.f.* Aspecto xeral do animal. *O comprador … contempra o correito das formas, os pes, a pranta do animal*. (LCA3).

13590 **cortada 3** *adx.* [Vaca] á que se lle marca un corte ou fenda nos glúteos entre o cadril e a croca que a desvaloriza no trato. (Cam1).

13591 **feiranta** *adx.* [Vaca] que se merca na feira. (Toba).

13592 **feireada** *adx.* [Vaca] que foi a moitas feiras pero que aínda non ten comprador. (Maía).

13593 **feireira** *adx.* [Vaca] que ten bo aspecto e que ten boa venda na feira. (Común).

13594 **feirieira** *adx.* Ver FEIREIRA /13593. (Piquín).

13595 **zamarro** *adx.* [Gando] gordo e disposto para a venda. Supoñémolo adxectivo. (VGR).

13596 ***rodilleira 4** *adx.* [Vaca] cunha inflamación na articulación radio-carpiana. Fracasan polo xogo e páganse menos. (Cam1).

13597 **de morrer** *loc. adx.* [Animal] que se merca para matar. Págase na man. *Gando de morrer* (Pont.).

13598 **de sacrificio** *loc. adx.* [Animal] que se vende para levalo ó matadoiro. *Vaca de sacrificio*. (Ctel1).

13599 **de vida** *loc. adx.* [Animal] que se vende para crialo e, no caso das vacas, para aproveitalo leite ou para criar becerros. *Vaca de vida*. (Ctel1).

13600 **pra parar** *loc. adx.* Ver DE VIDA /13559. *Eu quería a vaca pra parar e toméille pareceres ó home aquil*. (GB2:106).

13601 **amolecer 1** *v.* Ter [un bovino] os ligamentos da coxa moi relaxados cando se lle tira polo rabo, marcándoselles unha fenda entre os músculos. Este defecto vai a máis co tempo e por iso devalúa o valor da res. Os tratantes utilizan este truco -tirarlles polo rabo- para comprobar se cordea. *Estiven pra decirlles que eles tampouco* [saben emprega-lo diñeiro], *pois mercaron un cuxo que amolece, coles coa potra, un adibal esfiañado* (XNV:111). (Común).

13602 **botarse de almarzíu** *loc. v.* Ver PORSE DE ALMARZÍU /13606. (Donón).

13603 **fracasar polo xogo** *loc. v.* Claudicarlle o xeonllo [ás vacas con **rodilleira*]. Este defecto devalúa no trato as vacas procedentes de cortes de cemento. (Cam1).

13604 **levar maula na corda** *loc. v.* Levar mal gando á feira. (VLLM).

13605 **non haber armentío** *loc. v.* Haber pouco gando nunha feira na que adoita haber moito. (ERG).

13606 **porse de almarzíu** *loc. v.* Desfacerse de algún animal que xa non serve para nada. (Donón).

13606b **ser de pouca saída** *loc. v.* Carecer un animal das características que valora o mercado e non ter venda. A nosa fonte escribe *salida*. -*¿en canto vendeu os seus novelos? -En corenta e oito pesos, e pagáronllos ben, q'eran de pouca salida* (CVal).

13606c **ser feito (un bovino)** *loc. v.* Reunir un bovino boas características para ter boa venda. -*¿E canto lle deron os do Rato? Eran moi feitos. –Feitos eran, pero o louro tíñalle un cravo nun ollo*. (CVal).

13607 **te-lo cambio** *loc. v.* Sufrir [un animal] a ansiedade que lle producen os traslados de e para as feiras, que lle debilita as defensas e chega a causar pneumonía. (Sete.).

13608 **vir do caldeiro** *loc. v.* Estar alimentado, na corte de procedencia, con leite artificial. (Com10).

13609 ***adiós, deica a Feira dos Bullós** *fórm.* Fórmula de despedida. *Adios, deica a Feira dos Bullós: O teu coiro pra os mallós i a miña alma pra Dios*. Probablemente esta fórmula é o resto dun conto xa perdido no que dous bois se despiden nunha feira. Sendo *bullós* as castañas cocidas ou asadas, a *feira dos bullós* debe de ser feira do mes de novembro (quizais a feira de Monterroso, o día 1, que é a máis próxima a Paradela). *Bullós* e *mallós* rima con *adiós*. Esta expresión lembra a que Castelao pon de remate dun relato no que dous bois se despiden deica a feira de Soutomaior, na que había mercado de coiros, pero sen rima porque el escribe *Adeus*. (Parade.).

A vaca que anda de feira en feira, n'hai quen a queira. (VS) [227]
A vaca truqueña, mandala pronto prá feira. (VS) [228]
Armentío fai a feira, que non gaita, fole e castañetas. (VLLM:2,4) [229]
Canto máis gando, máis feira. (VLLM:2,24) [230]
Dúas mulleres e unha tenreira non fan feira. (VLLM:2,8) [231]
Gando fai feira, que non gaita grileira. (VLLM:2,4) [232]
Becerro e vaca sobrante, quitalos logo de diante. (VS) [233]
Boi que non garda o rego, engordalo e vendelo. (VS)
Cada un vai á feira co que ten. (ZM:50; VS)
¡Cando polo camiño hai tanto gando, qué fará na feira! (Salc2)
Non hai cartos como os que van polo seu pé á feira. (VS) [234]
Queira, non queira, a vaca ha de ir á feira. (VS) [235]
Vaca lueira, nin na casa nin na feira. (VS)

Moito che quero, vaquiña...,
mentras me día-lo leite,
que o día que non mo días
lévote á feira a venderte. [236]

Res que na feira sempre anda
e moza mui festexeira,
será cousa de milagro
que algún defeuto non teñan. [237]

Bernardo Rodríguez recollía así en 1900 a conversa entre comprador e vendedor [238]:

Compra-venta

- Boeno, ¿queres vende l-os bois?
- A eso vengo. Aquí tenés una yunta que manda truco.

---

[227] VS: *qu'anda*.
[228] VS comenta: *Dicen 'truqueña', en el sentido de brava, que embiste; por lo que es peligrosa en casa*. Saco dá tamén este paralelo: *Galiña que non pon, levala á feira.*
[229] Llópiz recolleuno en Rodeiro.
[230] Llópiz: *mais*.
[231] Llópiz: '*tenreira,*'; di que o recolle dunha colección de refráns galegos de Bos Aires.
[232] Recólleo en Donramiro (Lalín, Pontevedra).
[233] ms17: *quitalas*.
[234] VS: *Non hay cartos, com'os que*, e comenta: *El fruto sobrante dásele al ganado, que es el mejor dinero*.
[235] Saco dános tamén estes paralelos: *Queira, non queira, a ovella vai á feira*; *Queira, que non queira, o burro ha de ir á feira*.
[236] MLP3:182. No texto: *díal-o leite, non m'o días, â feira á venderte*.
[237] XBG:788. No texto: *n'a feira, sempr'anda, muy*.
[238] Cunt3. O texto está asinado en Bos Aires, o 2 de outubro de 1900. O Val de Vea é unha carballeira con capela que hai ó saír de Cuntis cara a Moraña, maiormente no concello de Cuntis, pero ocupando tamén parte da Estrada e de Meira. O lector pode le-lo texto completo en 16.1.

- ¿Qué trucan? Estonces pódelos gardar pra chacina. ¿E desde cando colleron ese vicio de cotar, ho? que antes non-o tiñan.

- ¿Quien dijo que cotaban? Yo he dicho que eran unos boyes macanudos, con lindas aspas y un pelaje que sirve de espejo.

- ¿Comen de todo?

- Lo que le den.

- Paséaos un pouco á ver se espallan [239].

- Iru.. ungo... achu... uru...

-¿Ti entendes, Andrés?

- Eu non; ¿e ti?

- Tampouco- ¡Cánto aprenden os que van á fora!

-Avéntaos un pouco, curmao, pra ver se ten liñaceiras ou velidas, sópralle n-os ollos e repara s-amolecen

- Os bois non ten chata, nin siqueira un alifás.


- Vamos á ver ¿cánto pides po l-os bois?

-Estos boyes valen tres mil reales.

Manter un animal para comelo [240]

Manter un animal para comelo non está ben, aínda que troquémo-la súa carne na nosa propia carne; pero manter con agarimo un animal para levalo dispois á feira, paréceme unha mostra da ruindade humán.

¡Un día de feira! Diñeiro, xuramentos falsos, meter burro por cabalo, comidas con pimento, pan reseso, viño cativo, tabernas acuguladas... A leda bullanga das feiras é tan mintireira como son as carantoñas do antroido, pois debaixo da ledicia hai tristura nos que venden e medo nos que mercan. O día de feira todos van de raposos e ninguén leva o corazón no peito, porque todos coidan que a xente de ben perde diñeiro nos tratos.



Manter un animal para comelo (Castelao: *Cousas*).

[239] No texto: *Paseos*. O autor reproduce graficamente a contracción *a+o* que dá *o* aberto pero, como non o marca, actualizámo-la grafía, porque faría que un verbo con pronome enclítico parecese un substantivo e podería xerar confusión.

[240] CAS1:1,143-144. É importante salientar que nas dúas primeiras edicións deste texto (*El Pueblo Gallego* 14.11.1926 e *Céltiga* 10.05.1927) Castelao non titula *Manter* senón *matar* pero na edición de *Cousas* (2,1929) xa pon *Manter* e así pasou ás edicións posteriores. Non sabemos se é unha errata ou un deses innumerables retoques que Castelao lles daba ós seus textos aparentemente simples.

O chorar dos cabirtos, que se laian coma fidalguiños esmirriados, pode feri-lo peito dun home endeble; o noxento carpir dos porcos, que berran por calquera cousa, abrouxa os nosos ouvidos e desfai toda compasión. Pola rúa van pasando, no remate da feira, os regueiros da door animal; pero nas feiras hai algo máis.

Os homes andan ó seu e non reparan na outra dor, na door humán que sinten os animales de Deus. As probes vacas endoudecidas que chaman polos fillos, os probes cuchos que van ó matadeiro chamando polas nais...

Eu quero que todos seipan iste conto:

Unha vez había dous bois que xa eran moi velliños e que traballaran xuntos toda a súa vida. O amo vendeunos para matar e tiveron que arredarse para sempre... E din que no intre da despedida díxolle un ó outro:

-*Adeus, meu compañeiro, e deica a feira de Soutomaor*.

(Na feira de Soutomaor había mercado de coiros).

10.5. A actividade do tratante

10.5.1. Accións do tratante

O negocio do tratante está en compra-las mellores reses ó menor prezo posible, para logo vendelas a outro gandeiro ou a un carniceiro a maior prezo. Conseguir este obxectivo esixe dominar determinados aspectos zootécnicos e sanitarios, pero tamén ser quen de convencer a quen vende de que o animal non vale o que pide por el ou recorrer ás circunstancias do mercado –reais ou ficticias- que condicionen o prezo á baixa; e de presentalo logo a quen compra de tal xeito que só aprecie as vantaxes que el remarca, vantaxes que xustificarán o prezo que pide. Todo este conxunto de valores obxectivos e subxectivos van condiciona-la marxe de beneficios.

O tratante debe recoñece-lo animal que está a comprar e identificar calquera signo de enfermidade presente ou pasada, ou calquera disfunción que determinarán a súa futura aptitude produtiva en carne, leite ou crías (e, anteriormente, tamén na súa capacidade de traballo no carro ou no arado). A constatación de calquera destes signos negativos serviralle para renegocia-lo prezo á baixa. Xa vimos no capítulo 3. *Características* como certos aspectos do gando influían en maior ou menor grao na súa valoración, aínda cando non tivesen ningunha repercusión directa nas producións ou na saúde do animal. Pero tamén lle poden ser útiles co mesmo obxectivo de rebaixa-lo prezo. Debe calcula-la idade do animal, algo fundamental no caso das vacas de leite. Debe calcular con exactitude o peso nos animais destinados ó matadoiro, estimando coa mesma precisión o rendemento que vai dar en canal. Debe recoñecer certas manipulacións que intenten disimular defectos ou patoloxías xa que, en moitas ocasións, o gandeiro non resulta tan inocente como aparenta. Para conseguir todo isto mira con atención o animal, por diante e por tras, apálpao (ubres, pel, ganglios), confirma a suposta xestación, examina a dentición e os cornos para saberlle os anos. Calquera forma de exame que lle dea información será útil. E toda esta operación ha de facela sen que o vendedor adiviñe na expresión da súa cara o que está pensando.

Porque os labregos, ao trataren de mercar unha vaca, un porco ou un cabalo, apálpano pra ver se ten algún óso rompido, ousérvano miunzadamente nos ollos, boca, etc. faino camiñar pra se decatar se coxea ou non, ou se ten algún defeito ou alifaz; téntalle as gorduras... e todo cruzando frases, ouservazóns, perguntas, etc. co vendedor. [241]

O comprador apalpa a cuxa; míralle os ollos, os dentes, a boca. Faina andare; logo estrícalle o rabo; méxelle nos tetos... O eisame é detido e miudeiro. Despois pergúntalle ao vendedor... [242]

O comprador olla para a cuxa de fronte, de perfil; por detrás. Contempra o correito das formas, os pes, a "pranta" do animal. No seu rosto se non apreza un trexeito que esprima compracencia nen desgosto; é imperturbábele. [243]

[241] LCA3:103.
[242] LCA3:109.
[243] LCA3:109.

Segue un boi novo, puidera ser un xato aínda sen picar; abálanlle as carnes desde a xugueira ata o cu; os ollos dos tratantes debuxan quilos de bistés, faldra, xarrete...[244]

Na segunda fase do trato, cando é o tratante quen está a vende-la res a outra persoa, sexa un gandeiro no caso das vacas de leite ou un carniceiro nos becerros de abasto, o tratante ten que estar preparado para calquera obxección que se lle faga, ben diminuíndo a importancia dos defectos que poida te-lo animal, ben destacando as calidades que presente.

Na feira actual perdeuse boa parte desta arte do releo. A identificación individual de cada res vacúa evidencia a idade sen discusión, o recoñecemento veterinario elimina da venda animais enfermos (aínda que non animais con defectos ou secuelas de enfermidades xa curadas), as feiras contan con básculas que dan o peso exacto (aínda que non o rendemento no matadoiro). Isto xa se reclamaba en 1926 (ABA, ACas). Gandeiros, tratantes e carniceiros están profesionalizándose cada vez máis e a imaxe que reflicten os textos que transcribiremos na epígrafe 10.5.3 é xa unha lembranza de tempos pasados; pero nesta Monografía recollemos testemuñas das feiras de hai tempo, cando a intención de enganar e a suspicacia ante a posibilidade de ser enganado parecían máis habituais.

Falando da habilidade do tratante para coñece-la calidade da vaca, presta le-la prosa que lle dedica X. B. Costa titulada *O home das vacas* (16.1.).



¿Vendeche ben a vaca? (Castelao: *Cousas da vida*).

[244] XVP2:143.

13531 **coutela 2** *s.f.* Garantía de saúde ou preñazo, segundo o caso, con que o vendedor dunha vaca de vida afianza esa vaca ó comprador. *As vacas de sacrificio non teñen coutela. As vacas de vida hai que afianzalas*. (Ctel1).

13532 **falamenta** *s.f.* Cháchara mercantil do feirante. (VLLM).

13533 **ixola** *s.f.* Habilidade do feirante para mercar barato, vender caro e desfacerse das maulas. (VLLM).

13534 **mangaña** *s.f.* Ver IXOLA /13533. ERG dános esta definición, de ámbito moito máis xeral có mundo do trato pero perfectamente trasladable: "Engañifa, trampa con apariencia de utilidad para el engañado". (VLLM).

13535 **pachola** *s.f.* Calma e paciencia que se precisan na feira para esperar polo momento propicio de mercar ou vender na feira. (VLLM).

13536 **pibela** *s.f.* Verba e falamenta na feira do gando. (VLLM).

13537 **verba** *s.f.* Simpatía para relear e para envolve-lo cliente na feira. (VLLM).

13538 **afianzar** *v.* Dar coutela ou garantía de [unha vaca de vida que se vende]. (Ctel1).

13539 **alpergar** *v.* Comprar [unha res] na feira. *Al cabo alpergache*. (Piquín).

13540 **apalabrar** *v.* Axustar e mercar de palabra [unha res ou outra cousa] para pagala ó recollela na casa do vendedor cando acorden. (ERG).

13541 **avalar 1** *v.* Contribuír cunha cantidade de diñeiro [cada un dos membros dun bando ou compañía de tratantes] ó fondo común para as operacións na feira; esta cantidade establece a proporción de participación nas ganancias que houber. (Ctel1).

13542 **braguear** *v.* Agarrar pola virilla [unha res] para saber se está gorda. (Piquín).

13543 **dentar** *v.* Mirarlle os dentes [a unha res] para saberlle os anos. (Piquín).

13544 **empelegar** *v.* Ver EMPELGAR /13545. Crespo Pozo recolle esta voz, e mais *empelgar*, no mesmo lugar que Aníbal Otero: en Saradrín, Ribeira de Piquín, co significado de enganarse na compra das reses. (CP, Piquín, Piquín3).

13545 **empelgar** *v.* Comprar [unha res]. Por veces, adquire o significado de enganar ou resultar enganado no trato. Este verbo constrúese coas preposicións *en* ou *con*. Así *vendeu aquela por mala i empelgóu nunha peor* ou *Empelegóu con ela*. (CP, Piquín, Piquín3).

13546 **empolgar** *v.* Ver EMPELGAR /13545. *Vendeu por malo i empolgou nun fino*. (VLLM).

13547 **entrar** *v.* Facer negocio [con alguén que trae unha res á feira]. Xiria do trato. *Non hai maneira de entra-lo paisano*. (Mond4).

13548 **poñerse** *v.* Exerce-la opción de compra [nunha vaca]. *Poñerse nunha vaca*. (Ctel1).

13549 **ralear** *v.* Relear, tratar de rebaixa-lo prezo [dunha res que se quere mercar]. (VLLM).

13550 **rexistrar** *v.* Recoñecer ou examinar [unha res] na feira para sabe-la idade e descubri-los posibles defectos que poida ter. *As 'leitugas' ou manchas negras que se descobren nos dentes dalgunha res ou xugada, despois de 'rexistra-las' (recoñece-las) para saber se teñen algún defeito e 'de que boca están' e tempo que teñen cando se mercan na feira ou fora dela, que se xulgan como causa de que se refuguen ou de que se lles poña defeito para que llas vendan desprezadas* (Parade.:280). *Que veñan a rexistrala/ os millores albeitários/ do mundo, e si tuber chata/ que me corten o pescozo. Xa sabes, Pedro, que o tanto/ de rexistrar unha vaca, / non hai en tod'esta terra/ quen me poña diant'a pata* (PL1:3). (Parade., PL1).

13551 **ver** *v.* Interesarse [por unha vaca] para mercala. *Verlle a vaca a alguén*. *-Véulleme a vaca o mesmo que nola vendéu. -¿Ai sí? Pois vailla poñendo, e se cha compra dis que tes que buscar quen che mire os cartos e ves a buscarme. -¿E en cánto lla poño? -Hai que armarlle a des pesos*. (GB2:107).

13552 **entrar en [o gando / a vaca]** *loc. v.* Inicia-lo proceso de compra dunha res na feira. ... *antes, despois de facer o trato faciamos unha invitación na taberna, chamábase 'a parda'; cando estabas no trato cos labregos e chegaba outro tratante a querer entrar no gando, diciámoslle: '¡Ghacho, que estou nela!', que estaba un en estaca por acordar un trato*. (XVP2:163).

13553 **estar coa vaca** *loc. v.* Estar en tratos [co dono dunha vaca] para mercarlla. Unha lei non escrita impide que outro intente o trato, co que o tratante primeiro forza o vendedor a darlla polo prezo que quere. (Ctel1).

13554 **estar na vaca** *loc. v.* Exerce-la opción de compra cunha vaca. É lei non escrita das feiras galegas que, mentres un se interesa por unha vaca, non interveña ningún outro posible comprador. Deste xeito os tratantes respectan unha negociación que xa comezou outro compañeiro. Esta operación préstase a abusos que que claramente prexudican os paisanos vendedores forzando a baixa do prezo por consumo do tempo de feira e impedindo que se acheguen outros posibles compradores. Véxase tamén o que se dixo en ENTRAR EN [O GANDO / A VACA] /13552. (Ctel1, Pont4, XVP2).

13555 **falar na vaca** *loc. v.* Ver ESTAR NA VACA /13554. (Ctel1).

13556 **garda-la vaca** *loc. v.* Ver ESTAR NA VACA /13554. (Ctel1).

13557 **ir afianzada en + (núm.) + litros de leite** *loc. v.* Estar garantida a produción láctea media [da vaca] por parte do vendedor. (Pont.).

13558 **merca-lo xato na panza da vaca** *loc. v.* Mercar unha vaca preñada. Llópiz enuncia esta locución sen explicala polo que non excluímos que teña un dobre sentido máis próximo ós conceptos coñecidos como *conto da leiteira* ou *poñe-lo carro diante dos bois* pero tampouco o podemos afirmar. (VLLM).

13559 **mercar á chata vista** *loc. v.* Mercar con constancia de algún defecto. Neste caso *o pago é rabioso* (na man) e ó comprador non lle asiste o dereito a reclamación. (Pont.).

13560 **non ser valente o trato** *loc. v.* Ser nula a compra dun animal por descubrírselle algunha doenza ou defecto tralo recoñecemento. *Se o gado cabalar ou calquera outro, despois do rexistro ou do recoñecimento, resulta ter algunha doenza, defeito, ou non é manso e non sirve para o uso para que se merca, o trato non é valente, ou seia, o trato é nulo*. (Parade.:268).

13561 **ser noite fecha** *loc. v.* Non haber maneira de entra-lo paisano, non haber maneira de facer negocio con el. Xiria de tratantes. (Mond4).

13562 **vender a defecto visto** *loc. v.* Vender nas feiras declarándolle o vendedor previamente os defectos do animal a quen leva a res. (Ctel1).

13563 **a tira (de) ramal** *loc. adv.* [Vender ou comprar unha vaca na feira] sen que esta venda se poida rescindir por máis defectos que lle poidan aparecer á vaca. A venda *a tira ramal* -di Ctel1- só se fai para vacas de sacrificio, non para as de vida. *Eu póñolle a corda ó pescozo ó comprador e lévaa como estea. Non ten condición de clas ninghunha. Non ten coutela ninghunha*. (Ctel1, ERG).

13563b **con corda e todo** *loc. adv.* [Vender ou comprar unha vaca na feira] sen que esta venda se poida rescindir por máis defectos que lle poidan aparecer á vaca. Se a vaca é boa, nunca se entrega a corda, porque dá mala sorte: é tradición que coa corda se entregaría a sorte da casa. Por iso, cando se quere vender a calquera prezo, dise *Véndocha con corda e todo.* Por iso mesmo di o refrán: *A mala feira, corda baleira* (CLam3).

13564 **tose-gota-escornar** *fórm.* Fórmula xurídica das feiras que recolle as tres coutelas contra as que hai que afianza-las vacas de vida. Trátase de dúas enfermidades, tuberculose (*tose*) e epilepsia (*gota*), e un defecto de comportamento (*escornar*) que se consideran vicios redhibitorios e que, se se presentaren, levarían consigo a devolución da res e a recuperación dos cartos por parte do comprador. A venda desfaise pola malicia que implica no vendedor o feito de ocultar ou non manifesta-lo defecto da res que pon á venda. O contrario é *vender a defecto visto*. Véxase tamén *a tira (de) ramal*. (Ctel1, Salnés).

Á vaca regalada, non se lle miran os dentes. (VS4) [245]

A outra nena lle pasou – outro caso paresido
que se casou cun rapás – que sempre andaba dormido
ó pronto que se deitaba – xa se poñía a roncar
e ela desesperada – xa se poñía a resar
...
e así que rapasiñas – vós que estades solteiras
hai que rexistra-los homes – como ás vacas na feira. [246]

Diálogo nunha feira [247]

-¿Vénde-la [248] *cuxa*?
-Vendo, se hai marchante pra ela.
-¿E canto [249] *pides*?
-Dezeseis mil e cincocentos reás.
-¡A modo, ho! *Mira se te trabucaches no pidir*.
-Pido no que penso vender.

[245] VS4 di que o recolle de Enrique Porto Rey (Señoráns, Cereixo, A Estrada).
[246] SCHU4/2/124a. No texto: *como as vacas*.
[247] LCA3: 108-112.
[248] No texto: *Véndel-a*.
[249] No texto: *cánto*, aquí e no resto do relato.
[250] No texto: *mais*, aquí e no resto do relato.

-Pois o gando ándache ben máis [250] *baixo do que eso*.

-Andará máis baixo o que sexa ruín; non en sendo coma esta miña cuxa.

-Non cha disprezo; mas, por eso, ao que pides por ela non podo chegar.

-Daquela olla por aí, a ver se atopas outra como ela por menos do que che eu [251] *pido*.

-Inda has baixar un pouco.

-Ti mira ben a cuxa e [252] *despois xa me dicirás* [253].

O comprador apalpa a cuxa; míralle os ollos, os dentes, a boca. Faina andare; logo estrícalle o rabo; méxelle nos tetos... O eisame é detido e miudeiro. Despois [254] pergúntalle ao vendedor [255]:

-¿Canto pidiche?

-Dezeseis mil e cincocentos.

-Dígoche que é moito de máis.

-Eu vendo o meu polo [256] *que val*.

O comprador olla para a cuxa de fronte, de perfil; por detrás. Contempra o correito das formas, os pés, a "pranta" do animal. No seu rosto se non apreza un trexeito que esprima compracencia nen desgosto; é imperturbábele [257].

-¿Queres vender? *Se non queres vender, que che morra cando ti queiras*.

-Eso non é dicir nada. *¿Canto ofreces ti*?

-Eu non chego a máis de quince mil reás.

-Non é diñeiro para esta miña cuxa. *Dáme* [258] *o que che eu* [259] *pido que non vas mal*.

O comprador cóxase na testa, coma indeciso, e escrama [260]:

-¡Probe do pai que ten un fillo parvo e o manda ás [261] *feiras*!

-Xa estás perdendo o tempo. Ao millor vén [262] *outro por aí e quédaste sen ela*.

-Se non baixas do que pidiche non facemos feira.

-Olla que é unha cuxa, que non é un carneiro.

-Vaia que, tamén ti abres a boca coma se tiveras unha vaca pola corda.

-Vaca non é; mas lle non falta moito pra sela [263] *¡e boa! E ti, ou non vés á* [264] *feira pra mercar ou non acertas a ver o que tes* [265] *diante*.

-Gracias a Dios téñoche boa vista; e inda que son mozo, haiche algúns anos xa que che ando nestes tratos.

-Daquela ¿quéreste monear de min?

-Eu vouche ao meu; e non penso de perde-lo [266] *tempo en andrómenas; mas, o que quero é mercar ben e non tirar os cartos*.

-Pois podes andar toda a feira, que, cuxa coma esta léveme o demo se hai outra.

Daquela intervén un home que estaba mirando [267] e diríxese ao marchante:

-E ti ¿pra que [268] *queres a cuxa*?

-Non é pra morrer.

---

[251] No texto: *che'eu*.

[252] No texto: *,e*.

[253] No texto: *diciras*.

[254] No texto: *Despois.*

[255] No texto este párrafo aparece entre parénteses.

[256] No texto: *pol-o*. Tamén eliminámo-lo trazo nos outros casos: *pol-a corda*

[257] No texto este parágrafo aparece entre parénteses.

[258] No texto: *Dame*.

[259] No texto: *ch'eu*.

[260] No texto este parágrafo aparece entre parénteses.

[261] No texto: *âs*.

[262] No texto: *ven*.

[263] No texto: *mas, lle non falta moito pra séla.*

[264] No texto: *vês â.*

[265] No texto: *,ou non acertas a ver o que têS.*

[266] No texto: *perdel-o*.

[267] No texto: *,e*.

[268] No texto: *qué*.

O entrometido vóltase para o vendedor:

-*O que vende barato sempre vende; o que tenta vender caro adoita voltar pra casa coa facenda. Tedes que vos pór de acordo* [269]*. ¿Canto pides ti?*

-*Dezeseis mil e cincocentos reás*.

-¿*E ti canto lle das*? -pergunta ao que pretende mercar.

-*Doulle quince mil; pra min non val máis*.

-*Baixa un pouco ti* -dille ao que ten a vaca pola corda-; *e ti, sobe outro pouco* -ao marchante-.

-*Baixarei* [270] *daquela os cincocentos* -di o dono da cuxa-.

-*É pouco. Eu non subo máis de vintacinco pesos. E dá ca* [271] *a man, e trato feito*.

-*A man doucha; mais a cuxa n'a levas por eses cartos* -e cóllense as mans- [272].

-*Partide a diferencia* -di [273] o meiador-.

-*Eu non baixo do dito*.

-*Pois se ques* [274] *romatar, douche cinco pesos máis* [275]*; e, se non, agarda* [276] *por autro máis* [277] *parvo ca min*.

-*Nen máis* [278] *un peso che baixo*.

-¡*Partide a diferencia, raio*! -escrama o outro; e pondo a súa [279] man riba das que están collidas - ¡*Ou sodes homes ou non sodes*! ¡*Valla o dito por min*!

-¡*Sexa daquela*! ¿*Trato feito*? -pergunta o comprador-.

-*Feito* -responde o vendedor pasándolle a corda que prende a cuxa-. E vanse os tres beber unhas cuncas de viño pra selar o trato e despedírense como bos [280] amigos.

10.5.2. Picardías e trampas no trato: *estaca, salgueiro, estar na vaca*

A publicidade enganosa é un hábito comercial tan vello coma o mundo. A lei di que nin as imaxes nin os textos deben dar lugar a confusión no comprador e, aínda así, todos sufrimos moitas veces a decepción ó comprobarmos que a calidade real do que acabamos de comprar non se corresponde coa calidade que pregoaba a publicidade ou a fotografía de envase.

No trato do gando, coma en calquera outra operación comercial, gandeiros e, sobre todo, tratantes, utilizan tamén determinadas prácticas dirigidas a engana-lo contrario, a ocultar defectos cando se pretende vender ou a esaxeralos, cando non inventalos, cando se pretende mercar. Moitas veces redúcense a unha simple habilidade dialéctica, que termina mareando o interlocutor; outras veces consisten en verdadeiras manobras fraudulentas. Son cousas que as nosas fontes non adoitan confesar, pero aínda así puidemos atopar algunha información.

Entre estas prácticas citarémo-la *estaca* (véxase esta voz), que, aproveitando un código non escrito que impide interesarse por un produto que outro parece estar comprando, faille perde-lo tempo durante toda a feira e así, cando está xa está para desfacerse, o vendedor vese obrigado a vender a outro que realmente quere comprar pero a un prezo máis baixo. Semellante, pero máis cruel, é o *salgueiro*, que consiste nunha oferta esaxerada dos tratantes co ánimo e o convencemento de engana-lo vendedor ou vendedora, facéndolle cre-lo que o animal non valía, na esperanza de que non baixara o prezo a ninguén e así, no remate da feira, poder mercalo un da cuadrilla por moitos menos cartos do seu verdadeiro valor [281].

---

[269] No texto: *pôr d'acordo*.

[270] No texto: *Baixaréi*.

[271] No texto: *cá*.

[272] Carré engade: *Cando o presunto comprador dunha res, cabalo, etc. dalle a man ao vendedor, é cando en realidade encomeza o trato a ser tomado en considerazón baixo unha base firme aprobada en principio; sómente o convenio de compra-venda pende dunha pequena diferencia de prezo que, ao se solucionar, romata o trato definitivamente* (p. 103).

[273] No texto: *dí*.

[274] No texto: *quês*.

[275] No texto: *mais*.

[276] No texto: *e se non agarda.*

[277] No texto: *mais*.

[278] No texto: *mais*.

[279] No texto: *sua*.

[280] No texto: *bôs*.

[281] XVP2:145. Ve-lo relato completo en 10.5.3.3.

Os tratantes decidiron xa as estratexias de acoso, chambra e tesoiras, carteiras, baloucos, finos báculos de cana exótica, boinas, chapeos... :

-Ao completar os camións falamos.
-¿Viñeron os leoneses, os asturianos...?
-Si, andan aí.
-Hostia, pois veña, arreade salgueiros ata onde se poida.
-Si, que o labrego é parvo, ¿pensas que non ve?
-Hai que cegalos, carallo, de fronte, nós os primeiros.
-¿A como?
-A mil por riba.
-É pouco, dous mil, de mentir, mentir ben.
-Facede como queirades.

A *estaca* ten un paralelo na relación entre mozo e moza. É sabido que no mundo agrario aceptábase como normal que as mozas se deixasen face-lo amor (é dicir, cortexar) simultaneamente por varios mozos (e disto hai probas no cantigueiro popular [282])(LimiaB: 207, 78) e ese costume implicaba que, mentres a moza está na lareira con un, este deixa a súa vara na porta da casa, de xeito que o seguinte pretendente ten que agardar a que marche o dono da vara para entrar el (LimiaB:214,151) e así se entende a cantiga *Á túa porta, meniña / hai unha vara delgada; / se non foras tan bonita / non eras tan deseada* (LimiaB:51,412).

Ben, pois moi semellante é o que acontece na relación comercial na feira coas *estacas*. Ctel1, que foi tratante toda a vida, dinos que había certo costume de forza-lo abaixamento do prezo do que eles querían mercar, co feito de *poñerse nunha vaca* ou *estar nela*, que consiste en iniciar co paisano vendedor a conversa ou trato e impedir que outros vaian alí ofrecerlle máis, ata que pasando as horas da feira non teña máis remedio que vender polo que lle el ofreceu. Dicía el que algúns de Garabás (Maside), aínda sen estaren fisicamente ó pé da vaca pola que estaban interesados, cando vían alguén, coma tal de Caritel, con intención de achegarse ó paisano a pedirlle prezo, berraban *¡Caritel!* ou *¡De Caritel!* e o de Caritel xa entendía que tiña que desistir de interesarse por aquela vaca e de facerlle unha *ofreta*, porque o de Garabás *estaba nela*, aínda que estivera a distancia. E berraba *¡De Fornelos!* ou *¡De Pontevedra!* se o que se interesaba pola vaca era de Fornelos de Montes ou de Pontevedra. Insiste o noso informante en que nunca chamaban polo nome, senón polo lugar de orixe.

Vemos no que acabamos de explicar cómo os tratantes actuaban dun xeito organizado fronte ó paisano, vendedor individual, o que xa lles outorgaba certa situación de privilexio. Por algo os gandeiros se referían ós tratantes como *a cuadrilla*. Sabemos tamén que, sen chegar a construír unha xerga propia, utilizaban certo vocabulario que o gandeiro descoñecía. Verémolo no apartado 10.7. *O pago do gando*.

Castelao [283] resume así as *malas artes* dos tratantes na feira:

> *¡Un día de feira! Diñeiro, xuramentos falsos, meter burro por cabalo, comidas con pimento, pan reseso, viño cativo, tabernas acuguladas... A leda bullanga das feiras é tan mintireira como son as carantoñas do antroido, pois debaixo da ledicia hai tristura nos que venden e medo nos que mercan. O día de feira todos van de raposos e ninguén leva o corazón no peito, porque todos coidan que a xente de ben perde diñeiro nos tratos.*

Outra picardía é a de simular unha boa xugueira. De Trasar (Carballedo) é esta información: *Conta a señora María de Padrón que, cando alguén mercaba un boi, se xa tiña xugueira, valía máis porque era sinal de que estaba amansado e afeito a traballar. Por iso había tratantes que aos bois novos lles daban cunha pedra ata que semellaban ter xugueira e podían vendelos ben... sempre houbo xente lista* (Carte3).

---

[282] *Anque xa eu teño amores/ o sí a tí che daréi; /se cún non estóu segura /con dous me asegураréi* (LimiaB:41,233); *Á portiña dos meus pais /teño unha silla de vidro /pra se sentaren os mozos /que veñen falar conmigo* (LimiaB:43,265); *Hai candiles de dúas luces /i as dúas alumean ben: /eu podo querer a Xan /e máis a Manoel tamén* (LimiaB:86,1068); *Miña nai, miña naiciña, /adivíñeme a verdade: /con cal dos mozos que teño /poderei eu me casare* (LimiaB:99-100,1319); *Teño tres e teño catro, /contigo son cinco amores; /o dia que me eu casar /heime de adornar de flores* (LimiaB:151,2283); *Teño un amor na Montaña, /en Forcadas teño sete; /a ti heiche dalo sí /cando non veñas peneque* (LimiaB:151,2285); *Teño un amor na Montaña /e outro en Cimadevila, /outro na Vila da Barca /i outro ainda máis arriba* (LimiaB:151,2286); *Teño un amor, teño dous, /teño tres, non quero máis; /pra que quero eu os amores /se me iles non son leás?* (LimiaB:151,2292).

[283] CAS1:1, 143.

Outras técnicas son xa máis graves e constitúen verdadeiras trampas para o comprador ou vendedor. Así, hai quen recorre a *tapa-la vaca* (véxase), para que pareza ter un ubre máis cheo de leite [284]; a operación consiste en poñerlle uns mistos nos tetos o día antes de levala á feira (Cam1). Mesmo na actualidade, con todo o rigor documental que acompaña os animais ás feiras, un defecto coma que turre a vaca non consta en ningún documento e, se de algunha maneira a vaca na feira está sedada (hai quen lle bota augardente nas orellas para que pareza máis mansa, -Arc1, Callo. [285]-), o comprador non o vai percibir.

No apartado da tuberculose (8.3.12) xa dixemos que hai tratantes que intentaban disimula-la faixa dándolle á vaca unto e esfregándoa cunha rama das patacas. Polo contrario, cando eran eles os que compraban e querían deprezala, como tal pasándoa por tuberculosa, provocábanlle a tose apretándolle na gorxa; e se querían deprezala porque pateaba, tocábanlle o ubre dun xeito que a vaca, en reacción, patease. Temos oído falar de tratantes que levaban no peto diferentes tipos de dentes e, cando lle miraban a dentamia a un animal, facían como que lle sacaban un, só con tocarlle, e ensinábanllo ó vendedor, devaluando así o animal e simulando abandona-lo interese por mercalo.

Noutros casos *había quen inchaba os becerros lactantes con auga, porque non comían e na feira teñen que aparecer mantidos, non coa barriga lasa; tamén din eso coas vacas vellas, e para que colleran peso, en fin...* (XVP2:162).

Por todas estas razóns, o paisano inexperto ten que moverse pola feira con extrema cautela e desconfianza. Os tratantes teñen sona de utilizar habilidades de palabra ou de obra que fan subir ou baixa-lo valor dunha res segundo eles vendan ou merquen: *O que no trato non fai trampa, pouco adianta* (VS).

Isto fixo que a palabra *triquillón*, en principio, sinónima de *tratante*, collese mala sona. Ctel1 dinos que *'triquillón' é unha palabra bruta e sempre o foi: triquillón é o que fai moitos tratos e algúns non son ben feitos pero non tódolos tratantes son triquillóns. 'Tratante' é palabra máis fina. Os tratantes que son honrados son a xente máis honrada: eu vendo ou compro e non me fan falta cartas firmadas, aínda que quen me compra non teña o diñeiro na man. Non tódolos tratantes son triquillóns.* E engade que *en Garabás había algúns que eran ladranos, que eran queimados, que traballaban moito no firme: querían o gando moi barato e roubaban o cliente se podían.* Otero Pedrayo recoñecía que os de Garabás tiñan unha habilidade especial para *beilar a peseta*

> *Trasalba é unha parroquia sinxelamente labrega; está lonxe dos camiños e non sabe 'beilar a peseta' como os garabaneses nas feiras* (ROP1:51,1928,48).

A mesma polisemia "comerciante / ladrón" aparece asociada na tradición oral das palabras *latarego* ou *latarengo*.

> *Os nosos informes parecen indicar que era esta actividade [o trato] na que se podía obter máis beneficio, a que se prestaba mellor ó xogo de 'engañar' / 'mentir', termos detrás dos que se oculta unha carga semántica que, traducida a categorías positivas, indica habilidade para lograr beneficio, ou, en verbas dun informante, 'pa tratar de que nos deran máis'. 'No trato había quer tracanearse, contar mentiras, ahí no había amistades … había un señor (tratante) que decía '¡que no vea más a mis hijos!', ie resulta que non tiña fillos'. 'Había un arte para engañar ós paisanos … si a vaca tiña algo nun ollo ou nun dente igual se quitaban vinte duros … eran trucos… o paisano acojonábase'. A táctica seguida por veces esixía a colaboración de dous tratantes –cousa normal, pois frecuentemente iban asociados-, un que establecía un acordo inicial e outro que acudía despois para destacar os posibles defectos do animal, decindo frases como 'home, deixa, que non vale o que pide'… ou 'esta vaca non vale, ten úa tos coma un cabalo… non vale pa traballar, solo pa carne'.* [286]

O lector interesado pode aínda ler outra descrición das sutilezas do trato en Ancares2:167 [287].

---

[284] Cómpre advertir que a retención do leite que así se produce fai que o ubre medre moito e a vaca pareza moi leiteira, pero pode provocarlle facilmente unha mamite.

[285] *Pa vendela (a unha vaca tola, que cota e patea), botarlle pouco a pouco un pocillo de augardente en cada oido, hasta que vaya entrando. Con esto queda a vaca como unha xoia pa todo o día* (Callo.).

[286] Ancares:117.

[287] *En los tratos de ganado se emplean muchas estrategias, pero desde luego el repertorio parece estar limitado a las más frecuentes. Por ejemplo, ir a ofertar un precio; abandonar momentáneamente la transacción; intentar forzar un trato dando la mano y obligando al otro a un apretón que selle el acuerdo, gesto que pretendiendo mostrar voluntad de compra por parte del tratante tiende a ser rechazado por el paisano, el cual suele decir inmediatamente que no, que no vale y se retracta o desdice del trato, lo que da opción al tratante de hacerse el desairado y, al mismo tiempo, valorar la "dureza", la resistencia del paisano ante el trato* [citando a VV.AA.: *Rituales y proceso social*. Ed. Ministerio de Cultura, Madrid 1991; 104].

Pero non se debe pensar que o gandeiro vendedor era sempre un inexperto nas artimañas da simulación. El, que leva meses ou anos convivindo co animal coñéceo mellor ca ninguén e tamén sabe poñer en xogo a súa renartería e a proba é que máis dunha vez os escritores deixaron constancia literaria das súas arteiras vitorias. Pódense le-los contos populares na fin desta epígrafe, os versos de Prado Lameiro titulados *Un consello* en 16.1. e tamén varios relatos de autor en 10.5.3. O problema está sempre en quen compra, e o propio Prado Lameiro ten uns versos (*Cousas da feira* en 16.1.) nos que o gandeiro que merca non chega a detectar en tempo as chatas do animal. Falando de picardías no trato, presta le-lo relato de Laureano Guitián Rubinos *Unha noite na casa do Tío Farruco do Penedo* e mailo de Bernardo Rodríguez *Compra-venta*: os dous pódense ler en 16.1.

Actualmente as circunstancias do mercado cambiaron moito. E todo animal está identificado en canto á súa orixe, procedencia e destino. Ese control forma parte das campañas de saneamento, de xeito que só se poden vende-las vacas exentas de peripneumonía, brucelose, glosopeda e leucose (a tuberculose xa se considera extinguida e a encefalopatía só se detecta despois do sacrificio).

Mesmo así, aínda queda moito campo para as habilidades, picardías e trampas no trato. Con todo iso, hoxe os gandeiros son cada vez máis industriais, están tamén máis preparados en asuntos veterinarios e técnicos e, en consecuencia, certas picardías tradicionais hoxe xa non serían efectivas cos que levan ó mercado a maior parte do gando.

Vexamos, logo, algo do que era tradicional ou pode selo cos poucos que aínda viven na gandería de subsistencia.

13565 **estaca 1** *s.f.* Home que por conta doutro vai á feira, monopoliza varias horas a opción de compra da vaca e así baixa o prezo. Eladio Rodríguez explica que "en algunas comarcas gallegas llámase *estaca* o *plantón* al intermediario que interviene en la compra del ganado vacuno. Estos intermediarios aparecían en todas las ferias de Galicia, impidiendo la libre contratación de reses, ejerciendo una visible coacción sobre los vendedores, encareciendo los precios para los mismos criadores del ganado y perjudicando a los consumidores de carnes. Afortunadamente los vulgarmente llamados *estacas* o *plantós* han sido prohibidos hace pocos años". Debemos a María Álvarez de la Granja e a Ernesto González Seoane, os mellores coñecedores da xestación deste dicionario, a noticia de que na primeira redacción (que eles datan entre 1931 e 1935) non figura nin esta acepción da palabra *estaca* nin a noticia da prohibición gubernativa desta práctica e que, si, aparece no manuscrito definitivo que eles datan entre 1935 e 1944. A esa data debe referirse, polo tanto, a prohibición da práctica das *estacas* nas feiras de Galicia. (ERG, Pont.).

13566 **marca** *s. Ú. c. m.* Ver ESTACA 1 /13565. Nótese o uso do artigo masculino cun subst. feminino (*o marca*) porque son homes os que fan esa acción na feira. (Ctel9).

13567 ***pataconero** *s.m. Ú. m. en pl. desp.* Persoa que se dedica a *escorar* unha vaca, impedindo a súa venda libre. (Saln5).

13568 **pego 2** *s.m.* Timo nunha feira. (VLLM).

13569 **plantón** *s.m.* Ver ESTACA 1 /13565. (ERG).

13570 **salgueiro** *s.m.* Técnica usada polos tratantes para baixa-lo prezo de compra, ofrecendo provisionalmente moito máis do que vale a vaca, de xeito que o paisano espera toda a feira (porque tódolos outros lle ofrecen menos) e ó final ten que vender polo que lle dean. Combina cos verbos *meter, botar* e *arrear*. *'Xa amansarás, xa', a penas rosma o tratante na media distancia, ao tempo que fai comentario cos colegas: 'a este éntralo ti primeiro, bótaslle un salgueiro na primeira hora e logo xa o remato eu'* (XVP2:144). *-Hostia, pois veña, arreade salgueiros ata onde se poida. -Si, que o labrego é parvo, ¿pensas que non ve?* (XVP2:145). Un gandeiro dinos que en Ávila a isto chámanlle *implantar* (*Implántate nesa*). (Cang7,XVP2).

13571 **cuadrilla de Pepa a Loba** *loc. s.* Conxunto do tratante e a súa cuadrilla de *estacas*. É denominación metafórica e ofensiva que ocasionalmente usan os criadores de gando. Esta locución, aínda que rexistrada en Gondomar, sabemos que ten ou tivo uso con este valor en case toda a provincia de Pontevedra. A *Cuadrilla de Pepa a Loba* eran uns bandoleiros que actuaban por terras de Soutelo, Cotobade e Campo Lameiro, aínda que hai tamén tradición da súa presenza dende Os Ancares ó Ribeiro. (Gond).

13572 **chafurquear** *v.* Traficar con pouca formalidade ou con pouco coñecemento do negocio. (Piquín).

13573 **empebelar** *v.* Enganar [a alguén] no trato. (Made).

13574 **escorar** *v.* Colocarse [o tratante ou un mandado seu] tras unha vaca impedindo así que outro se achegue a tratar co dono. (Simes).

13575 **tracanear** *v. Ú. t. c. prnl.* Moverse con arte no trato, esaxerar, mentir coa intención de dar confianza ó comprador e enganalo. *No trato había que tracanearse, contar mentiras, ahí no había amistades ... había un señor (tratante) que decía '¡que no vea más a mis hijos!', ie resulta que non tiña fillos*. (Ancares:117).

13576 **trafurquear** *v.* Ver CHAFURQUEAR /13572. (Piquín).

13577 **estar en estaca** *loc. v.* Ver FACE-LA ESTACA /13578. Véxase tamén o comentario a ENTRAR EN [O GANDO / A VACA] /13552. (XVP2).

13578 **face-la estaca** *loc. v.* Finxir [un tratante] interese pola vaca para impedir outras ofertas e baixa-lo prezo. (ERG, Pont.).

13579 **facer unha falsa 2** *loc. v.* Enganar no trato, vendendo unha vaca cun defecto sen avisar del ó comprador. (Ctel1).

13580 **falar do xato e esquece-lo trato 1** *loc. v.* Dar un prezo desaxeitado para unha res coa intención de non chegar a acordo na feira cun determinado comprador ou vendedor. *Na venda do gando sempre primou o trato da plabra. O trato é o releo que fan comprador e vendedor, ou gandeiro e tratante, que vén se-lo mesmo, para acorda-lo prezo. Sen embargo, cando se discute o trato por simple cortesía, sin intención dalgunha das partes de comerciar, esta pon prezo desaxeitado para non meterse en compromiso. Polo que noutras sucesivas ocasións que se atopen, falarán, mais algún amosaráse esquivo. Neste caso, aplícase o dito ó que foxe da ocasión de parolar de algo que non lle convén*. (Forc4:21).

13580b **meterlle vara a (un animal)** *loc. v.* Finxir [un tratante] interese pola vaca para impedir outras ofertas e baixa-lo prezo. *Alí vén García de Vilanova... e como vendeo n-o dezaoito, é capás de metérchelle vara ós bois* (Cunt3).

13581 **ser un malamán** *loc. v.* Mercar e vender gando enganando. MVN lematiza *malaman* e Com1, ERG, IBA, LCA1 *malamán* como subst. referido á persoa que merca ou vende con engano. (Com1, ERG, IBA, LCA1, MVN).

13582 **ser un muxarangas** *loc. v.* Ser [un tratante] de pouca confianza, non ter palabra. O noso informante escribe *mujarangas*. (Paíme).

13583 **tapa-la vaca** *loc. v.* Poñerlle un misto nos tetos [a unha vaca] para rete-lo leite e inflama-lo ubre. Truco de feira para que a vaca pareza máis leiteira. (Cam2).

13584 **vender unha trampa** *loc. v.* Ver FACER UNHA FALSA 2 /13579. (Ctel1).

13585 **zafarse da maula** *loc. v.* Librarse na feira dunha res ruín. (VLLM).

A gaanza e a laceira andan de feira en feira. (VLLM:2,2) [288]
Ás feiras vaise de raposo, ninguén fía un do outro. (VLLM:2,24) [289]
*As mulleres i-as vacas, de primeiras, sempre *engañan.* (Viana5)
As trampas andan nas feiras. (VS)
Cando o feirante louva e relouva, maula leva na corda. (VLLM:2,6) [290]
Non hai feirante que non sea volteante. (FBB8)
Non hai trampa, non hai angueira. (VLLM:2,14) [291]
Terra de angueiras, terra de feiras. (VLLM:2,21) [292]
Non se fai boa feira sin cartos nin falamenta. (VLLM:2,13) [293]
Pra facer boa merca, cartiños e verba. (VLLM:2,13) [294]
Pra facer boa venda, pachola e pibela. (VLLM:2,13) [295]
Nos tratos cos de Garabás mira o que fas. (VS) [296]
Os de Garabás, fóra o trato, son como os demais. (VS) [297]

[288] Llópiz: *gaánza*; recólleo de V. Risco.

[289] Llópiz: *âs*, recólleo en Outes (A Coruña).

[290] Llópiz: *córda*; explica que *levar maula na corda* é levar mal gando á feira.

[291] Llópiz: *ai; angueira* é negocio. Dános tamén estoutro: *As angueiras son as angueiras*, que lembra inmediatamente ó primeiro mandamento da economía: *Business is business*.

[292] Llópiz: *d'angueiras* (co significado de negocio, trato). Considera este refrán, recollido en Ourense, como equivalente do refrán cast. *Donde hay negocio, hay mercado*.

[293] Llópiz: *Non faise bóa feira*; explica que *falamenta* é cháchara mercantil.

[294] Llópiz explica que se precisa diñeiro para aproveita-la boa ocasión e simpatía para relear.

[295] Llópiz: *bóa*; explica que *pachola* é paciencia, pachorra, aguante; e que *pibela* é verba, saber enredar coa fala ou, como Llópiz di, *jarabe de pico*.

[296] Refírese a San Pedro de Garabás, Maside (Ourense). Saco comenta: *Garabás, entre Carballino y Cea. Tramposos en la compra de ganado.*

[297] VS comenta: *Así contestan a lo que se dice de ellos.*

Os de Garabás venden as vacas i aran cos cas. (VS) [298]
Tratos cos de Garabás, mira como fas. (VS)
O fillo de Deus nun tempo botou algúns feirantes a xostregazos do templo. (VLLM:2,14) [299]
Ó máis larchán/latarego máis logo lle dan un pego. (VLLM:2,4) [300]
O mintir non paga e fai feira franca. (VLLM:2,15) [301]
O que deixa pasa-lo axe, non se teña por bo feirante. (VLLM:2,15) [302]
O que no trato non fai trampa, pouco adianta. (VS)
O que se anoxa, mal feira. (VLLM:2,24) [303]
O que ten vacas sabe/saberá de xatos. (VLLM:1,149) [304]
Si vas a feirado, ou vai enganar ou volve enganado. (VLLM:2,21)

Os teus xuramentos
son falas de feira
pois de min te acordas
si me tes á beira. [305]

Na feira [306]

- A vaca cústache corenta e catro mil pesos; dá [307] *vinte litros de leite e nin couzada ó munxila* [308].

Pra seguinte feira, alporízase o mercador perante o alleador berrando:

- A vaca custoume 44.000 pesos; non dá catro litros de leite; por si [309] *que dá corenta* [310] *couzadas por munxidura...*

Retrucoulle mansiño á orella [311] o alleador:

- Fala, recorcio, fala: deste xeito vas vender ben a vaca...

O campesiño astuto [312]

Unha vez era un home que tiña unha vaca e a vaca era moi mala. Non lle daba leite, escornaba e, ben, nada; non servía para nada. Entón díxolle el á muller:

—Mira, e non sería mellor que vendéramos esta vaca, secasí é moi mala.

—Bueno, sería o mellor —dixo a muller.

E entón el foina vender. Pero antes non era como agora, que hai coches e hai de todo, non. Antes ían ás feiras e tiñan que ir andando e entón ían parando nas pensións que había. Parou nunha e, claro, estívolle a preguntar o da pousada:

—Mire, ¿e logo usté a onde vai?

—Eu vou vender unha vaca á feira.

—¿E que tal é a vaca?

---

[298] VS: *i-aran* (no ms. *y'aran*).

[299] Llópiz: *fostregazos*. Recólleo de B. Losada. Alude ó episodio evanxélico da expulsión dos mercaderes do templo de Xerusalén (Mt 21,12-17; Mc 11,15-19; Lc 19,45-48; Xn 2,13-22).

[300] Llópiz: *Ao mais latarego, mais logo danll'un pego*; explica que *latarego* é larchán, tratante de profesión, e que *pego* é timo. Di que o recolle en Agromayor onda Sarria, pero normalmente *Agromayor* é o nome dun dos seus informantes e o Nomenclátor actual non cita ningún Agromaior nas proximidades de Sarria.

[301] Recólleo en Noia.

[302] Llópiz: *pasal-o*, *bó*; explica que *axe* é a ocasión propicia (de mercar ou vender).

[303] Recólleo en Pontevedra.

[304] Llópiz recólleo de José Mª Bergantiños na Ponteceso e de Barbeiro Aceña en Lugo.

[305] JBS: 6. No texto: *t'acordas, tés, veira*.

[306] MV88:41.

[307] No texto: *da*. Tamén no resto do texto: *da catro, da cirenta.*

[308] No texto: *o munxila*.

[309] No texto: *sí*.

[310] No texto: *cirenta.*

[311] No texto: *a orello* (sic).

[312] CNC:344-345. Recollido no Grove, Pontevedra, de Rosario Márquez, de 60 anos de idade en 1998.

—A vaca é moi boa.

—¿E logo, dá bo leite?

—¡Ai si!, dá moi bo leite, dá moito leite, é unha vaca bastante boa, é mansa e tal.

El, o pousadeiro, foillo contar á muller e díxolle:

—Mira, e se lle compráramos nós a vaca, que nos facía falla.

—Bueno, pois comprámoslla —dixo a muller do pousadoiro.

E compráronlle a vaca. O outro xa dou volta, xa non chegou á feira e foise cos cartiños para a casa, ¡máis encantado ca que! Pero ó cabo dun tempo encontrouse co pousadeiro e díxolle:

—¡Ai, como me engañaches!, vendéchesme a vaca por moi boa e que daba bo leite e todo, e non serve para nada a vaca, nin dá leite, escorna e de todo.

Contestoulle el:

—¡Mira!, ¿e ti, esto que me estás a dicir a min, contáchesllo a alguén?

Díxolle el:

—Continllo a todo o mundo.

—¡Ai, contáchesllo a todo o mundo! Pois, mira, eu aínda vendín a vaca pero ti xa non a vendes máis —díxolle o outro.

O que vendeu a cinco a mesma vaca [313]

Había un señor que tiña unha vaquiña e n'a podía manter, n'a podía tere. E levouna á feira e dixo:

—Vouna vender barata.

E veu un e díxolle:

—¿Canto quere pola vaquiña?

—E... unha onza —que son dezaseis pesos.

—Bueno, está vendida, eí vai.

—¿E si ma puidera paghar que me fan falla os cartos?

—Toma, pero aghuántame dela que inda está empezando a feira.

E dixo:

—Bueno, si, si.

E vén outro e dixo:

—¿Canto costa a vaquiña?

—Unha onza.

—¡Bueno, ho! ¿Non quita nada?

—No.

—Pois está vendida ¡eh! Aghuánteme dela aí.

—¡Déixeme os cartiños!

E así astra que foron cinco…, á cinco lla vendeu. Pero ó cinco díxolle:

—Fághaseme cargho da vaca, que eu teño présa e voume; e se non lárgholla.

E foise. E era tarde, era pola tarde e tiña que pasar unha lancha de pueblo a pueblo, como pasa aquí en San Pelaio, de vaghariño. E a lancha xa se fora e el tivo que quedarse no pueblo e dixo:

—¡Ai, como me vai ir se veñen por aí!

E foi a un avoghado e dixo:

—¡Ai, señor!, pasoume isto, e ahora…

E dixo:

—Mire, usté sale mellor facéndose o tonto. Cando veñan por aí, se o encontran, usté fághalle "Srrrr", e se lle din máis algho: "Srrrrr". Usté non saia daí, non digha palabra máis ca "srrrr".

E dixo:

—¡Ai, bueno, señore!, ¿e servirame d'algho?

—Si, si.

[313] CNC:342-344. Recollido no Valeo, Ortigueira, A Coruña, de Antonio Canoira, de 86 anos de idade en 1998.

—Bueno, o que pasa é que non lle poido paghar, que non me pagharon a min tampouco.
—¿Non lle pagharon? Usté acaba de dicire que lle pagharon as vacas.
—Si pero os cartos xa os mandei prá casa. Se saio ben heille dar unha onza.
Dixo:
—Muy bien, muy bien… Unha onza ¿Mañá aí polas nove estarás aquí?
—Si señore.
E efectivamente, estaba comendo nunha fonda e aí vén o das vacas:
—¡Eilí está! —queríano matare.
E el:
—¡Srrrr…!
—¡Me cagho no…! Pero tu, ho… ¡Devólveno-los cartos, ho!
—¡Srrr…!
Tanto pelearon, veu o da fonda e dixo:
—E que ustedes compráronlle a un tonto, e ¿que van facere? ¿Vano matare?
—Bueno…
—¿Non ve que é tonto?
E fóronse. Pró outro día o avoghado estaba esperando que viñera e non viña. Pero andabo buscando e certou donde estaba. E cheghou e inda estaba na cama. Mandou pola fonda que baixase, e dixo:
—¿E logho que? ¿Como lle foi cos outros?
—¡Srrr…!
—¿Pero con iso saleu ben, eh?
—¡Srrr…!
Dixo:
—Bueno, home, pois que te coma o demo. ¡Síghelle dando!

10.5.3. Algunhas descricións do trato no século XX

Aínda que nesta monografía, por razóns de método, nos limitamos a recoller e analizar léxico e material de tradición oral, imos reproducir, como dixemos arriba, tres relatos de autor que reproducen mellor do que o poderían face-las nosas palabras, a realidade, o clima e as sutilezas do trato. O primeiro saíu da pluma do veterinario Xavier Prado *Lameiro* e parece unha gravación da realidade sen intervención literaria de ningún tipo. Na epígrafe 10.13 veremos unhas consideracións que el mesmo facía para moderniza-las feiras e facer máis equitativo e transparente o comercio de gando e que hoxe xa son práctica común. O segundo texto é de Manuel García Barros e o terceiro, de Xosé Vázquez Pintor. No capítulo 16. *A vaca na literatura* recollemos un último relato de Bernardo Rodríguez.

10.5.3.1. Xavier Prado *Lameiro*

Tratos [314]

A escea representa o curral dunha [315] casa labrega. Á direita (do actor) camiño que atravesa o escenario por tras do muro baixo do curral. Á esquerda, a casa con porta practicable. Ó foro cancela car'ó camiño, no [316] muro.

[314] PL8:47-63.

[315] En todo este texto Xavier Prado Lameiro reproduce as contraccións do artigo *d'o, d'a, d'os, d'as; d'unha* (*d'unha casa; d'un animal, tíraa d'a corte; unha d'as partes; d'as feguraciós; d'a probeza; d'as bestas; d'a moeda, d'a tua pertenencea; d'a contía d'a desprefeuceón; crevamento d'o paseo d'a toura*). O uso do apóstrofo no orixinal non é sistemático; nós reproducimos sistematicamente *do, da, dos, das; dun, dunha*.

[316] No texto: *n-o*, aquí e nos casos sucesivos deste relato (*n-a terra; n-o mesón; Se che convén n-o dito; n-os meus tratos; n-iste caso; n-a parroquia; dar n-ises cartos; n-a tésta; N-esto entra; n-o mundo; meter n-a mau; n-o qu'eu ch'ofrezo; n-o conto; n-un óllo; n-a diajonal; n-o estámego e n-a y-alma; d'hoxe n-un ano; n-o íuso fauto*). Nós omitimos sistematicamente o trazo.

ESCEA PRIMEIRA

CHAFALLAS E ARUXO, dispois XARÓMENO. CHAFALLAS viste de tratante de gando, ARUXO de labrego, e XARÓMENO de labrego medio aseñoritado.

CHAFALLAS *(*Saíndo [317] pola [318] direita e chamando desde a cancela*) ¡Aruxo! ¡Ai, Aruxo!*

ARUXO *(*Dendes dentro da casa*). ¿Quén chama?*

CHAF. *Xente de paz.*

ARUXO *(*Asomando á porta*). Ai, ho; entra.*

CHAF. *Non; teño présa. Chégat'acá.*

ARUXO *(*Saíndo e camiñando car'él [319]*) E logo, ¿qué tras de novo [320]?*

CHAF. *¿Vendéche-la [321] toura?*

ARUXO *Home... puiden, que ma [322] pagaban ben, pro... vel'eí [323].*

CHAF. *¿A canto cha chegaron?*

ARUXO *A moito; olla que non contaba qu'ela rubir'onde rubiu [324].*

CHAF. *Daríanche dez pesos.*

ARUXO *¡Mama, dez pesos! Non lle viña mal ó que a mercase por ises cartos.*

CHAF. *Pois non che se rían dela [325].*

ARUXO *¡Home, non m'amoles, coiro! ¡I-entón [326] a miña toura non val máis de dez pesos!*

CHAF. *Pra ti valderá cecais corenta, pro na feira sóo val o que dían por ela, i-hoxe o gand'está baixo.*

ARUXO *O gando está como a vós vos peta na gana, rabia. Vós sóde-los donos.*

CHAF. *Viña ben.*

ARUXO *Nin máis, nin menos. Nós mercámolo [327], ou criámolo, e mantémolo, e perdémolo se nos morre, e vós dispodes dil cando e como vos convén.*

CHAF. *Eso dilo ti.*

---

[317] No texto: *Saindo.*

[318] No texto: *pol-a*, aquí e nos casos sucesivos deste relato *(¿Canto dás pol-a toura?; pol-o que tratemos; pol-o que val; entra pol-a direita*). Nós escribimos *polo, pola, polos, polas*.

[319] Por tratarse dun trazo dialectal, conservamos esta grafía que marca o vocalismo tónico aberto do pronome (por *cara a el*), do mesmo xeito que o conservamos máis en diante cando escribe *dall'éste* por *dálle a este*).

[320] No texto: *nóvo.* Na ortografía galega actual só se marca o timbre aberto dunha vogal tónica cando distingue esa palabra doutra homógrafa (*pola /póla; ves /vés ...*). Xavier Prado tende, aínda que non o cumpre sempre, a marcar cun til agudo o timbre aberto de tódalas vogais tónicas das seguintes palabras deste relato: *acórdo, bén, céga, cén, cérto, chéga, chóyo, démo, deténse, déz, él, éla, éra, és, fás, ¡Hóme! hómes, lérias, lévas, lógo, mérca, mérco, mór, mórre, mórto, nóso, nóvo, ólla, óllo, óllos, pénsa, péro, póde, pósto, próba, quéro, quéres, revóltas, sórte, tén, tés, tésta, tóca, tóma, vénse, véñen, vólta, vóltas, vóso*, *xérra*. Aínda que coa incorporación masiva de neofalantes de galego cada día resultan máis necesarios estes tiles, a ortografía vixente non os marca; e nós, consonte vimos facendo en todo o libro, adaptamos estas palabras á grafía hoxe vixente, sen til. Hai logo algún caso de til que corresponde a vacilacións sen importancia (*¿E como? / ¡Cómo!, dís /dis, xérra /xerra, dálle /dalle, tío /tio*).

[321] Igualmente, no texto reproduce sistematicamente a segunda forma do artigo na forma *l-a /l-o*, *l-as /l-os*, considerando que o ele era unha modificación do *-r* final do infinitivo e non o *l-* inicial do artigo: neste caso *¿Vendéchel-a toura?* e así procede en tódolos demais casos semellantes (*non vexa mail-a muller*). Nós transcribimos *¿Vendéche-la toura?* consonte a ortografía actual e do mesmo xeito procedemos en tódolos demais casos deste relato (*collel-a tésta*). Mesmo conservamos esta grafía nos casos nos que o autor realiza este alomorfo pero hoxe non se representa graficamente (*quince pesol-a toura*).

[322] No texto: *m'a.* O autor utiliza tamén o apóstrofo nos casos de contracción co pronome nos que hoxe a ortografía vixente xa consumou a aglutinación (*que m'o digas; si mañán m'a das*); de xeito semellante procede co pron. *che* (*A muller non ch'a quero; Tampouco ch'a vendo; xa ch'o dixen; quen ch'o puxo*). Nós aglutinamos: *mo, ma, mos, mas; cho, cha, chos, chas.*

[323] No texto: *ehí*, aquí e nos casos sucesivos deste relato (*Vel'ehí; E... vel-ehí; alto ehí*).

[324] No texto: *rubíu.*

[325] No texto: *d'éla,* aquí e nos casos sucesivos deste relato utiliza o apóstrofo cos pronomes e adverbios do mesmo xeito que o utiliza co artigo (*d'íl; que d'iste non se chisca; d'esas custiós; Non te poñas d'ise xeito; que se bulra d'outro; diñeiro d'abondo*).

[326] No texto: *Y-entón*, aquí e nos casos sucesivos deste relato (*y-é verdade; y-autro; y-ou tén, si tí y-autros dicides; y-a estivese mantendo; Y-entón; y-hoxe; y-apañalas; y–hastra que paguemos; y están; Y-eu tamén; y-hastra parece; ¿Y-agora que dis?; Y-eso non é d'homes; y-ofrecinlle por éla; y-adiós; y-anque; y-o que os óllos ven; y-harmunía n-o estámego e n-a y-alma; y-a outra parte; y-alevusías; Y-estúdie vosté*). *Y-entón* reproduce a realización átona e semiconsonántica da conxunción copulativa característica de parte do galego oriental e nada ten que ver coa realización tónica de parte dos neofalantes urbanos do cambio de milenio e que procede do castelán, nuns casos, e de afectación portuguesa, noutros. Coherentemente suprimímo-lo *y* en frases coma *qu'un rayo me fenda se ch'a vendo por cantos cartos trayas; a sua ideya; no choyo; Vaya lógo; para que ... lle saya ó retrauto*.

[327] No texto: *mercámol-o, criámol-o, mantémol-o, perdémol-o.* No sucesivo aparecen algúns casos máis e practicámo-la mesma actualización gráfica.

ARUXO *E digo i-é verdade. O labrego é o máis disgraciado do mundo. Il foza e foza un día i-autro día na terra pra percurar froitos e dispoixas veñen catro coas* [328] *maus moi lavadas e dinlle: o teu traballo sóo val catro cadelas; i-ou ten que se conformar i-apañalas, ou deixar podrecer o que con tanto traballiño percurou.*

CHAF. *Boeno; déixate de lerias.*

ARUXO *Si, si; déixate de lerias, pro, a verdade é que si ti i-autros dicides: esa toura túa* [329] *non val máis que mil reás* [330]*, de pouco serve que a min me custase cen pesos i-a estivese mantendo e millorando catro ou cinco meses.*

CHAF. *Ó grau. ¿Ti queres vende-la toura?*

ARUXO *(*Rañando a testa*). Home… como vender… cuase che non estou moi desposto pr'éso* [331]*.*

CHAF. *¿I-entón pra que a levach'á feira?*

ARUXO *E... vel-eí. Deume por elí...*

CHAF. *¿Entón non vendes?*

ARUXO *Pr'agora... parece qu'inda non m'apura o conto.*

CHAF. *Boeno. Pois logo, regálate.*

ARUXO *Que non haxa mala novedade (*Vaise Chafallas. Denantes d'encubrir di o Aruxo*). Ai ho: ¿queres botar unha pinga?*

CHAF. *(*Sin volve-la testa*). Agradezo.*

ARUXO *Mira. (*Chafallas detense e mira*). Ven elí. (*Chafallas volve*). Agarda qu'imos botar unha gotiña.*

CHAF. *(*Faguendo que se vai*). Moitas gracias, non bebo.*

ARUXO *(*Colléndoo*). Agarda, ho; que deic'á noite é día. Teño un viñote do Val, que se pode beber, afellas. Agarda que xa estou de volta. (*Camiña e entra na casa. Namentras o Chafallas ponse a picar un cigarro*).*

CHAF. *Pois anda listo, que m'están agardando no mesón os compañeiros.*

ARUXO *(*Saíndo da casa cunha xerra na mau*). Bebe e bebe ben, que diste non se chisca en calquera lado (*Dándolle a xerra*).*

CHAF. *(*Bebe todo o viño da xerra*). Serve.*

ARUXO *(*Debrocando a xerra*) Inda que nono* [332] *dixeras; co feito abonda.*

CHAF. *Boeno; moitas gracias i-hastra que paguemos do mesmo xeito. (*Faguendo ademán de s'ir*).*

ARUXO *Per'home... ¿tanta présa levas?*

CHAF. *Éme tarde, ho.*

ARUXO *Ven elí, que se cadra inda faguemos feira.*

CHAF. *¿E como? A muller non cha quero; eu sóo* [333] *merco vacas.*

ARUXO *Tampouco cha vendo, ¿ou que coidabas? ¡Ai que demo de Chafallas!*

CHAF. *Boeno, acaba.*

ARUXO *¿Canto dás pola toura?*

CHAF. *¿E ti estás a vender?*

ARUXO *¿Canto dás pola toura?*

CHAF. *Pro... boeno; ¿somos homes, ou somos rapaces?*

ARUXO *¿Canto dás pola toura, ho?*

CHAF. *Pois... o que che dou por ela xa cho dixen.*

ARUXO *A min ti non me dixeches nada.*

CHAF. *Dixen tal.*

---

[328] No texto: *co'as*, aquí e nos casos sucesivos deste relato (*co'a présa; Co'a manga; co'éla; c'o ausilio; c'o direito*).

[329] No texto: *tua*. O autor non acentúa *tua, sua* (*a sua deferencia, a sua ideya*), aquí nin nos casos sucesivos deste relato.

[330] Sendo o real 0,25 pta, Aruxo estaría falando de 250 pta do ano 1928 (1,50 € hoxe).

[331] A grafía *pr'éso* marca o timbre aberto da vogal resultante da contracción tamén noutros casos do mesmo relato (*X'ó sei; com'ó pirmeiro; cando cheg'ó caso; com'á y-auga; bos pr'á saude; adoeza com'ós cás; e com'ó pirmeiro; pr'á satisfauceón; com'ós manfroditas; bot'á toura; chimp'ó viño*).

[332] No texto: *non-o,* aquí e nos casos sucesivos deste relato (*non-a; se non-o queres dar*).

[333] No texto: *soo.*

ARUXO *¿Cando?*
CHAF. *Denantes.*
ARUXO *Que me lev'o demo se tal ch'ouvín* [334].
CHAF. *¡Bo! Mira: deixémonos de voltas. Eu téñoche présa. Se che convén no dito, tíraa da corte e págocha.*
ARUXO *¡Oi, oi, oi, Chafalliñas!; non andemos con aldrómenas. Ti xa sabes qu'eu son com'a i-auga de limpo e de craro nos meus tratos...*
CHAF. *I-eu tamén.*
ARUXO *Ninguén dix'outra cousa; paréceme qu'a min non m'ouvirías fala escontra ti...*
CHAF. *Non; pro eu non sei a que veñen esas revoltas. Se ti estás a vender, eu estou a mercar; e con gardar cada un conta do seu, non nos mancamos.*
ARUXO *Home... hai* [335] *razón; pro ti non es niste caso como che toca. Eu véndoche a toura polo que tratemos, e sei o que levas, e vas ben sirvido, que animaliño com'el non pace na parroquia.*
CHAF. *Eso non perciso que mo digas, que non é a pirmeira que merco.*
ARUXO *X'o sei; pro, as cousas son como son, i-anque ás veces somellan igoales... se cadra inda teñen a súa deferencia.*
CHAF. *Boeno, nos dez pesos seica che non convén.*
ARUXO *Nin doblados; i-hastra parece mintira qu'es meu amigo e qu'entendes de gando, m'ofrezas ises cartos.*
CHAF. *Eu ofrézoche o que val; se máis valera máis che daría por ela.*
ARUXO *Mira, Chafallas: ti xa sabes que che quero ben e que nin polo que val a toura, nin por vinte touras rifo eu cun* [336] *amigo; qu'eu son un probe, pro, cando cheg'o caso, tiro con vinte reás com'o pirmeiro; pro o que ti fas hoxe conmigo... mira Chafallas qu'inda home nacido chegou a faguelo.*
CHAF. *Eu fixen o que tiña que facer.*
ARUXO *Non; o home que se bulra doutro e lle desprecia a súa vida...*
CHAF. *Non te poñas dise xeito. Déixate d'anoxos, que che non son bos prá saúde.*
ARUXO *A min fíreme moito que se lle non día* [337] *ás miñas cousas o apréceo que lle toca.*
CHAF. *Pra romatar; douche medio peso máis pola toura, e conta que é medio peso que perdo.*
ARUXO *Qu'has perder, ho; qu'has perder!...*
CHAF. *Si o non perdo, que me vexa com'ela.*
ARUXO *Pois, non vai.*
CHAF. *Alá ti. Pénsao ben. Olla que si mañán ma dás* [338] *en cinco, qu'inda eu adoeza com'os cás da rabia si cha quero.*
ARUXO *Non dou, non. Non teñas medo.*
CHAF. *Boeno entón. Coido que che vai pesar. O gando vai pra baixo; de feira á feira non se fai con dez pesos en cabeza; así Dios me salve. Ti verás.*
ARUXO *Está visto. Denantes de a dar nises cartos, doulle cun machado na testa.*
CHAF. *Boeno... Colle. (*Queréndolle meter na mau a sinal que o outro non quere coller*). Colle ho; non sexas burro. Está por miña en dez con quince reás.*
ARUXO *¡Mais está!*
CHAF. *¿Non queres?*
ARUXO *Non.*
CHAF. *¿Non queres?*
ARUXO *Que non.*

[334] No texto: *oubín*, aquí e nos casos sucesivos deste relato (*non m'oubirías; oubín; pra lle falar ó oubido*)
[335] No texto: *hay,* aquí e nos casos sucesivos deste relato.
[336] No texto: *c'un,* aquí e nos casos sucesivos deste relato.
[337] No texto: *dia.*
[338] No textos: *das,* aquí e nos casos sucesivos deste relato (*das por ela*).

CHAF. *Ven elí. (*Querendo collerlle a testa pra lle falar ó ouvido*). Ven elí, que ch'hei* [339] *contar un conto.*

ARUXO *Non quero saber nada.*

CHAF. *Ven elí burro. (*Déixase colle-la testa i-están un anaco falándoll'o Chafallas [340] ó ouvido. Nesto entra pola direita o tío Xarómeno que vén car'éles*). ¿I-agora que dis?*

ARUXO *Que non vai nises cartos.*

CHAF. *(*Moi enrabechado e faguendo coma que se vai*). ¿Non? Pois acórdate do que che digo: denantes de que ti vénda-la toura no qu'eu ch'ofrezo, hei perde-lo que teño d'home. E que non vexa mai-la muller i-os fillos se tal non fago. (*Camiña*)*

XARÓM. *(*Parándoo*) Ei, carafio!* [341] *alto eí. ¿Qu'é eso?*

CHAF. *Nada. Déixeme, tío Xarómeno. (*Faguendo por se soltar*).*

XARÓM. *Agarda, ho, agarda. Ve acá. (*Levándoo xunto de Aruxo*). ¿Que* [342] *tiñades?*

ARUXO *Qu'iste coida qu'eu estou morto de fame e vénse rir de min.*

CHAF. *Es'é engaño* [343]*. Eu non me rin de ti, nin de ninguén.*

ARUXO *Riche tal. I-eso non é d'homes como* [344] *lle toca.*

XARÓM. *Che, che, che. A ver: ¿que desputades?*

CHAF. *Mire, tío Xarómeno: eu queríalle mercar unha toura ó Aruxo, i-ofrecinlle por ela o qu'eu en concencia entendo que val. Il* [345] *coida que ten unha alaxe* [346]*, e pensa que non hai diñeiro d'abondo no mundo pra lla pagare, i-adiós.*

ARUXO *Non é así o conto. Eu…*

XARÓM. *(*Atallándoo*). Cala. ¿É aquela vermella* [347] *que levache á feira do Tellado* [348]*?*

ARUXO *Si.*

XARÓM. *(*Ó Chafallas*). ¿Ti canto lle dás por ela?*

CHAF. *Dez con quince reás.*

XARÓM. *(*A Aruxo*). ¿E ti canto pides?*

ARUXO *A tal mandar, eu non pido.*

XARÓM. *Pois tes que pidir, senón non hai modo de tratar.*

ARUXO *Non pido.*

XARÓM. *Entón é que non queres vender.*

ARUXO *Eu vender, vendo.*

XARÓM. *Pois ponlle precio á toura, ho.*

ARUXO *Vinte pesos.*

XARÓM. *Algo lonxe estades.*

CHAF. *Mire, tío Xarómeno: Non se canse. Eu agradezo, pro... voume.*

XARÓM. *Agarda, ho, agarda; qu'inda está máis lonxe Boenos Aires e mais váise e vénse. Or'a ver* [349]*: ¿estades ambos e dous dispostos a pasar polo que digan homes?*

CHAF. *Feito.*

XARÓM. *¿E ti, Aruxo?*

ARUXO *Eu xa non dou pío. Se din homes que a toura non val cadela, regáloa.*

---

[339] No texto: *que ch'ei*.

[340] Desta volta Xavier Prado non usa o tradicional apóstrofo senón o trazo e escribe *falándoll-o Chafallas ó oubido.* Por coherencia nós usámo-lo apóstrofo.

[341] No texto: *caráfio.*

[342] No texto: *Qué.*

[343] No texto: *Esengaño.*

[344] No texto: *cómo.*

[345] No texto: *Íl.*

[346] No texto: *alhaxe.*

[347] No texto: *bermella.*

[348] Supoñemos que se refire á feira do Tellado no Irixo, que se celebraba os días 2 e 17 de cada mes.

[349] No texto: *Ór'haber.*

XARÓM. *Boeno; entón, feito. (*Ó Chafallas*). Dálle* [350] *un peso de sinal.*

ARUXO *Escúsase. Entre nós está de máis* [351]*.*

XARÓM. *Moi ben; pois a toura está vendida en quince pesos.*

CHAF. *Tío Xarómeno, atenda unha razón. Eu non como a palabra que din* [352]*. Vosté di qu'está vendida, e por min endexamais* [353] *se desfigo trato; pro... ¿roparouna ben?*

XARÓM. *Home... eu... á verdade... somentes a vin de lonxe cando pasaba Aruxo coela prá feira.*

CHAF. *Pois eu pídolle que a ropare, e dispoixas...*

ARUXO *Ti o qu'és é un Chafallas; e quen cho puxo conecíate d'abondo. Ti...*

CHAF. *(*Enterrumpindo*). Eu son tan honrado coma ti, e com'o pirmeiro.*

ARUXO *Mentes. Ti dixeche que pasabas polo que dixesen homes, i-agora vés póndolle chatas á toura* [354] *pra ver se a levas en menos cartos.*

CHAF. *As chatas qu'eu lle poña han estar á vista, i-o que os ollos ven non ofrece dúbida. A toura ten unha bellide nun ollo, e non pasea como lle toca. E se non contar eu verdade, perdo o que a toura val.*

ARUXO *Pois xa que ten tantos defeutos, non a levas; inda que bateras tres mil reás por ela. Pra que vexas como eu son: s'agora me din que me morre esta noite, qu'un raio me fenda se cha vendo por cantos cartos traias.*

XARÓM. *Deixaivos de despiques. ¿Querédesme ouvir?*

CHAF. *Fale.*

XARÓM. *Os homes debemos ser imponibles. Cando unha cousa nos convén prá satisfauceón da matérea do corpo, debemos esquecer certas disinénceas e pór* [355] *da nosa parte os interdiutos ó caso para consiguir aquelo que nos día satisfauceón i-harmunía no estámego e na i-alma. Se nos deixamos levar das feguraciós e dos maquenismos* [356] *do relaxamento, non sairemos da probeza; seremos sempre com'os manfroditas.*

CHAF. *Hai razón.*

XARÓM. *O home debe tere unha miga de xurisprudéncea e non se pór na diaghonal* [357] *das bestas outusas, coiro. (*Pausa*). Ti, Aruxo, és dono por liña direuta dun animal asmoviente que val tanto ou coanto. E ti, Chafallas, queres mercar, co ausilio da moeda da túa pertenéncea leghal, o asmoviente diste. (*Sinalando ó Aruxo*). Il, (*O Aruxo*) co direito atiniente ó códigho natural que nos insina o deber que temos de garda-lo qu'é noso e coidar do seu valemento endereuto, turra na dereuceón atiniente ó melloramento do seu entrés acónimo; e ti (*O Chafallas*) coma nagociante do mercantil, retesías na compra-venta pra lle tirar un mór entrés ó preduto líquedo da oparaceón pecunaria* [358]*... Ambos e dous*

---

[350] No texto: *Dalle.*

[351] No texto: *demais.*

[352] No texto: *dín,* aquí e nos casos sucesivos deste relato (*xa dí*).

[353] No texto: *endexamáis*.

[354] No texto: *póndolle chatas a toura.*

[355] No texto: *por*, aquí como máis adiante en *por na diajonal.*

[356] Probablemente quere dicir *mecanismos.*

[357] Xarómeno usa a gheada (*diajonal, lejal, códijo, códejo, alajou*) pero tamén a gueada (*litiguiosa*). A intención para un ourensán é claramente crítica. O personaxe de Xarómeno neste relato é alguén que se quere impór usando un vocabulario culto que impresione o vendedor. Pero o seu coñecemento dese vocabulario é só de oídas e por iso na boca del tódolos tecnicismos que usa aparecen fóra de contexto (aquí *no iuso fauto* quere ser *no ipso facto*, pero debería ser simplemente *ipso facto,* latinismo que significa "instantaneamente") ou aparecen deformados **acónimo* por *económico; *alajou cercunstánceas* por *alegou circunstancias*; **asmoviente* por *semovente*; **aviuceón* probablemente por *evicción; *comenéncea* por *comenencia; *concileaceón* por *conciliación; *desperfeuceonan* por *devalúan; *empertenente* por *pertinente*; **entremedeáreo* por *intermediario; *entrés* por *interés (interese); *esprementar un descienso ó respeutive d'a contía d'a desprefeuceón* por *devaluación proporcional á importancia do defecto*; **oparaceón* por *operación; *preduto líquedo* por *produto líquido; *prenda litiguiosa* por *peñor,* ou mellor, *obxecto litixioso; *valor afeutivo* por *valor efectivo.* O carácter delirante de semellante intermediario que intervén solermiña pero eficazmente a prol do comprador e en contra do vendedor, pon en evidencia que o autor, Xavier Prado, veterinario ourensán, critica con este relato o abuso que nas feiras se facía do gandeiro que criaba os animais. Véxase, como se dirá despois, que a intervención aparentemente conformadora do Xerómeno impón a rebaixa do prezo da toura a unha cantidade irrisoria.

[358] No texto: *pecunária.*

estades no iuso fauto da comenéncea que vos toca, pro, agora veño eu, que son o entremedáreo, ou como dí o códegho, el amigable compoñedor, e sin feri-la aviuceón i-o sanamento do voso trato, lévovos a concileaceón i-arréglovos. ¿É ou non é?

ARUXO *Falou ben.*

CHAF. *Eu entendo pouco desas custiós, pro... non atopo mal a súa ideia.*

XARÓM. *Boeno; pois, o conto está bo de gobernar. Eu puxen en quince peso-la toura, pro, como unha das partes, ti, (*Sinalando ó Chafallas*), alaghou cercunstánceas que desperfeuceonan a prenda litiguiosa, i-a outra parte, ti, (*Sinalando ó Aruxo*), figo unha conformaceón tácita* [359]*, e non aprontou proba escontra tal desperfeuceonamento, o valor afeutivo e competente ten d'esprementar un descienso ó respeutive da contía da desprefeuceón; querse dicir, que...*

CHAF. *(*Enterrumpindo*). Entendido.*

XARÓM. *Boeno; pois, entón, temos agora que fague-la tasaceón honesta do lixamento do ollo, e do crebamento* [360] *do paseo da toura. Polo que toca ó pirmeiro, se a bellide non é moi grande, parécemo que tirándolle trinta reás...*

CHAF. *A bellide deixa á toura cega antes do outono.*

ARUXO *¡Mais deixa! Eu sempre ll'acordo o mesmo.*

XAROM [361] *Poñamos entón, polo que poida acurrir, corenta reás.*

ARUXO *É moito. Eu esí non entro no nagóceo.*

XARÓM. *Agarda, ho. Non t'alusiones tan logo. ¡Carafio! mesmo pareces un foguete pola présa i-o barullo que fas. Corenta reás dixen. E tirémoslle pola chata do paseo... boeno... eso xa é máis empertenente... tirémoslle... tirémoslle... cincoenta reás.*

ARUXO *Chéganlle ben.*

CHAF. *E cómpren.*

XARÓM. *De maneira que trato feito; a toura vai en quince pesos e dispoixas hai que lle tirar corenta reás por un lado, e cincoenta polo outro.*

ARUXO *¿E vén a quedar entón en canto?*

CHAF. *Pois vén a quedar... neso; en quince menos corenta reás con cincoenta.*

ARUXO *Pro... ¿Canto resulta en cabo?*

XARÓM. *Resulta... resulta... Quen* [362] *de quince tira corenta con cincoenta... pois veñen quedar... quince menos cincoenta e corenta reás.*

ARUXO *¡E dálle! ¿Pro canto veño eu a coller, en cabo?*

CHAF. *Ti vés coller... eso que che dicimos; quince pesos menos corenta reás...*

ARUXO *¡Tataraná! Non nos entendemos.*

XARÓM. *Mirai: a conta é ben fácele. Ti, (*Ó Chafallas*), dálle* [363] *quince pesos. (*Fáino*). Agora ti. (*Ó Aruxo*) dáll'este* [364] *cincoenta reás. (*Fáino*). Boeno; agora dálle corenta máis. (*Fáino*). Agora conta o que che queda. (*Conta*).*

ARUXO *¡Ai, mala rabia!...*

XARÓM. *¿Qué che pasa?*

ARUXO *¡Home... vosté si que a sabe toda, rabia! ¡De maneira que dispoixas de tanta conversa e tanto latricamento, vén queda-la toura en menos cartos dos que xa m'il daba?...*

XARÓM. *¡Como por menos!*

ARUXO *É craro. Eu teño eiquí dez pesos e medio, i-o Chafallas xa me daba dez con quince reás denantes de se vir vostede meter no conto.*

XARÓM. *¡Como!* [365] *(*Asombrado*). ¿Ti dábasll'eso! (*Ó Chafallas*).*

---

[359] No texto: *tacita.*

[360] No texto: *crevamento*.

[361] No texto fala *Aruxo* pero obviamente o interlocutor neste caso ten que ser *Xarómeno.*

[362] No texto: *Quén.*

[363] No texto: *dalle*; pero unhas liñas máis en diante escribe *agora dálle corenta máis.*

[364] No texto: *dall'éste*. Véxase o que dixemos atrás da transcrición de *car'él.*

[365] Pouco antes non acentuou esta palabra nunha mesma exclamación: *¡Como por menos!* Aquí ponlle til *¡Cómo!*

CHAF. *Eu son así. Cando se trata dun amigo, non roparo. Que diga il se lle non dixen que perdía canto lle dise por riba dos dez pesos. ¿Vîches agora se o perdo ou non?*

ARUXO *¡Bo, bo, bo! ¡Fíxenche boa feira, ho! Pois olla que se non fora porque palabra qu'eu dou é coma unha escretura...*

XARÓM. *Os dous vades ben sirvidos; dígovolo* [366] *eu, i-abonda.*

CHAF. *Boeno... nin eu nin il hamos quedar probes pola perda que poidamos ter no choio. Aruxo; tira outra xerriña de viño e bot'a toura que me vou, qu'estou rabeando coa présa.*

ARUXO *Inda por riba, o viño...*

CHAF. *Se nono queres dar, págocho eu, ¡qué coiro!*

ARUXO *Non perciso. Onde vai o máis, vai o menos. (*Camiña*).*

XARÓM. *(*Ó Chafallas*). ¿Vas contente?*

CHAF. *Eh... malo será que se non tirase prá cea.*

XARÓM. *Traballei a conta ben...*

CHAF. *Moitas gracias; e se somos de sirvíceo...*

XARÓM. *Ó mesmo m'obrigo. (*Chega Aruxo coa xerra de viño*).*

ARUXO *(*Ó tío Xarómeno*). Beba.*

XARÓM. *Dáll'ó Chafallas.*

CHAF. *Non; vostede pirmeiro.*

XARÓM. *Vaia logo; á saúde de todos. (*Bebe*)*

CHAF. *Qu'aporveite. (*Colle a xerra que lle dá o tío Xarómeno*). Toma ti. (*A Aruxo*)*

ARUXO *Bebe.*

CHAF. *Toma, ho, toma.*

ARUXO *A mais tes razón, que si cadra dispois era tarde. (*Bebe*).*

CHAF. *Poidera sere. (*Colle a xerra de mau d'Aruxo, chimp'o viño todo, e dispoixas de se limpar coa manga da chaqueta, di*). Boeno; que d'hoxe nun ano con saúde e sorte.*

XARÓM. *Ogallá.*

CHAF. *(*A Aruxo*). Anda; tir'a toura que rabeo coa présa.*

ARUXO *Mira; eu xa traballei d'abondo. A toura está na corte que teño no cabo do lugar, ¿non sabes?*

CHAF. *Sei.*

ARUXO *Pois cádrach'en camiño; abres e vaste coela, i-ogallá che di'a ganáncea qu'eu pra min quixera.*

CHAF. *Boeno logo. Regalarse todos, e deic'autro día. (*Vaise*).*

XARÓM. *Adiós.*

ARUXO *Deic'autro día.*

XARÓM. *Coido que te non queixarás.*

ARUXO *Non por certo, que ganei nela o que non contaba; pro, a vostede lev'o demo se llo debo.*

XARÓM. *Vel'eí o que é o non entender; s'eu fago a tasaceón en direito ademitindo agravantes i-alevusías...*

ARUXO *Mire, tío Xarómeno; déixeme de retrónecas. Vostede vaia vivindo como poida, qu'eu tamén lle sei onde me mancan as chancas. Ises sermós, gárdeos* [367] *pr'autros.*

XARÓM. *¿Va que non di así o Chafallas?*

ARUXO *Ó Chafallas, com'a min e com'autros, moitas veces convénllenos fague-lo parvo* [368]*, pro, cóstelle que niste mundo cand'algús contan que van d'acabalo, lévanlle a carga derriba. Regálese. (*Métese na casa*).*

[366] No texto: *dígovol-o.*
[367] No texto: *gardeos.*
[368] No texto: *parbo.*

XARÓM. *¡Qué bruto es! ¡I-estudie vosté anos e anos para qu'un pataqueiro calquera lle saia ó retrauto!... Boeno... xa di un libro qu'eu teño na casa: El home iñorante coida que la sabidéncia es artefauto porparado pra lo cazar encautamente. Se queres alcanzar posto de sabido, percura vivir onde seas entendido. Xamás la frol de dilicado cheiro atopó estimaceón entre los porcos. (*Pausa*). ¡Se todos foran com'este, (*Sinalando a casa d'Aruxo*) estábache eu ben gobernado!*

Este relato do veterinario Xavier Prado *Lameiro* merece tres comentarios. O primeiro, para moitos lectores novos, o tipo de moedas. Temos que empezar por recordar que *un peso* era en 1928 (e ata a aparición do euro) outra maneira de dicir *cinco pesetas* e que *un real* eran 0,25 pta. Polo tanto, Aruxo pide pola vaca inicialmente vinte pesos (100 pta). Chafallas ofrécelle primeiro dez pesos (50 pta) aínda que despois sobe a oferta *medio peso máis* (a 52,50 pta) e remata en *dez pesos e quince reás* (53,75 pta). Posteriormente Xarómeno consegue primeiro que Aruxo dea palabra de suxeitarse ó que el negocie e, en dando esa palabra, *parte diferencias* deixando o prezo en *quince pesos*. A proposta soa ben, porque *quince pesos* (75 pta) é bastante máis cós *dez pesos* (50 pta) que Chafallas mandaba de primeiro e cós *dez pesos e quince reás* (53,75 pta) ós que chegou. Pero inmediatamente, con toda esa retrónica embarullante, aplica unha rebaixa polo defecto da vista e da perna de *corenta reás* por un lado e *cincoenta reás* polo outro (é dicir, *noventa reás*, 22,50 pta), co que queda a cousa en 52,50 pta (*dez pesos e medio*). Aruxo non entende moito qué é o que lle están a dicir e ten que face-la conta da vella pero, cando lla fan, acaba decatándose de que con tanta negociación Xarómeno fixo que el vendese a súa toura en menos do que xa Chafallas lle daba (53,75 pta): a negociación fíxolle perder 1,25 pta (*5 reás*): deste xeito queda claro que Xarómeno interviu a prol de Chafallas e en contra de Aruxo. Esa é a intención que denuncia o escritor e veterinario.

En segundo lugar cómpre responder á pregunta seguinte: se nos poñemos na actualidade ¿de que cantidades estamos falando? ¿A qué cantidade de diñeiro corresponden as 52,50 pta en que Aruxo tivo que vende-la vaca? Fixemos un cálculo no ano 2004, multiplicando os índices de prezos que permiten calcula-la devaluación [369].

1. Índice de prezos ó por maior do INE (1928 sobre 1940) = **3,06**

2. Índice de prezos de consumo (serie encadeada -base 1992): Índice 2001/Índice 1940 = 135,70/0,99 = **137,07**

3. Índice IPC con mercadorías rebaixadas: Índice 2003/Índice 2001 = 106,68/100 = **1,0668**

Multiplicando os resultados parciais obtidos resulta 3,06 x 137,07 x 1,0668 = **447,45 pta.**

Quere isto dicir que, máis ou menos, os entendidos estiman que 1 peseta de ano 1928, ano de publicación deste relato, valería 447,45 pta. no ano 2004, Se agora multiplicámo-lo prezo da vaca (52,5 pta) por 447,45, resulta que Aruxo a vendeu en 23.491 pta; é dicir, **141,18 euros** de hoxe.

A terceira observación ten que ver co valor actual do exemplar vendido. En todo o texto denomínana unicamente como *toura* e non nos dan indicación ningunha da súa idade. Sabemos que co nome de *toura* se designan idades diferentes (desde becerra a vaca adulta) pero podemos supoñer que a nosa *toura* era unha xovenca, por se-la acepción máis común da palabra, e que aínda non saíra ó boi, porque non se menciona nin un posible preñazo nin tamaño ou conformación do ubre. Que non era aínda *vaca de leite* deducímolo porque non se menta en ningún momento garantía ningunha de produción de leite. Tampouco nos falan en ningún momento do seu estado de carnes, o que podemos interpretar como que sería un exemplar de peso e tamaño medios, é dicir, normal.

Os dous defectos que ten a toura son difíciles de valorar: por unha banda, unha querato-conxuntivite (*bellide*) que pode deixa-la vaca cega en poucos meses, segundo prognostica o Chafallas interesadamente, e, por outra, unha claudicación que só nos describen como *que non pasea como lle toca*. Non podemos xulga-la

[369] Para calcula-lo valor actual (do ano 2004) do diñeiro doutros tempos non hai táboas oficiais senón unha mera estimación en termos da perda do poder adquisitivo da moeda por efecto da inflación. Para medila, utilízanse series de índices de prezos dispoñibles en cada período, dando preferencia ó índice de prezos coa maior mostra de bens, sempre que se poida escoller (é dicir, que haxa máis dun índice de prezos para ese período). Pero hai varios problemas. Primeiro que os índices de prezos intentan medir un fenómeno xeral no que se meten moitos bens e resulta difícil valorar algo moi concreto seguindo ese procedemento (só dan idea xeral da perda do poder adquisitivo do diñeiro). Segundo, que tampouco hai índices homoxéneos de prezos para todo o período, polo que a estimación faise utilizando os índices existentes ("Índices de Precios en España en el período 1913-1987" de Alonso de Ojeda: *Banco de España, Estudios de Historia Económica* 17,1988). Terceiro, que a fiabilidade mingua canto máis recuamos no tempo e menos homexéneos son os índices. Con todo, o procedemento consiste en encadea-los diferentes índices existentes e, se houber varios índices nun período, seleccionando o que pareza máis relevante. Para o noso caso, seguindo as indicacións de Diego González, técnico do Banco de España, utilizámo-lo Índice de prezos de consumo (serie encadeada -base 1992) e o IPC con prezos rebaixados.

gravidade destes defectos pero, en calquera caso, podemos supoñer que a inhabilitaban para o traballo, aptitude fundamental naquela época. En definitiva, é carne de matadoiro. Pero é que aínda admitindo este destino non nos resulta fácil facer hoxe unha valoración. En 1928 aproveitábase máis o animal, separando as partes defectuosas e aproveitando o resto da carne; hoxe as esixencias sanitarias son máis estritas e cabe a posibilidade de que se a causa desa claudicación fose un abceso, un traumatismo estendido, o inspector determinase o comiso de toda a perna afectada. Consultados os técnicos da denominación *Ternera gallega*, dinnos que no 2004 o valor na feira dunha becerra destas características oscilaría entre os 130 e os 180 euros, dependendo do seu peso.

Se o relato lle dá un valor actualizado de 141 euros e nunha feira de hoxe [370] andaría entre os 130 ou 180, o autor, Xavier Prado, non utiliza cifras fantásticas senón reais da súa época: como era veterinario, coñecíaas ben. E nesas cifras o gandeiro certamente perdía daquela e perde hoxe. O autor do relato parodia criticamente a actuación do tratante Chafallas e, sobre todo, a do intermediario Xarómeno, porque o veterinario-escritor ten o corazón do lado do pobre gandeiro.

Aínda así, unha das últimas frases de Aruxo deixa patente que este non parece quedar moi descontento co resultado da venda. Cando, rematada a operación, Xarómeno se despide do labrego, dille: *Coido que te non queixarás*. Ó que Aruxo responde: *Non por certo, que ganei nela o que non contaba; pro, a vostede lev'o demo se llo debo*. É dicir, que a pesar da inoportuna intervención daquel, recoñece que ó final gañou máis do que esperaba na venda da toura. Téñase presente que o valor que el pedía pola vaca era de *vinte pesos*, prezo que, aínda sendo case o dobre da cantidade que ó final cobrou, debe entenderse como sobrevalorado ó representar unha posición de partida ante unha rebaixa segura.

Debemos lembrar que a crise de 1929 veu precedida dunha caída dos prezos agrícolas pero a variación non debeu de ser moita se observamos algunhas referencias indirectas. Primeiro, este dato de 1885: *"D'unha vez* [Xan e Farruco] *lograron a fertuna de venderen por trinta pesos unha xubenca que mercaran en Esgos por dazasete"* (An8). Segundo, estoutro de 1919:

> *Dendes que os carniceiros deron en matar vacas e lles consintiron [371] vendel-a carne vella ó préceo d'a terneira, viron que a cousa éra un magnífico choio, pois, unha con outra, deixalle de gaño alá por us vinte pesos. Unha vaca véndena en dous días e son os seus dez pesiños diarios de ingreso. N-o mesmo tempo vendían duas terneiras, mais estas, como están, en proporceón, máis [372] caras, non deixan ises cartos* (XC:5).

Terceiro, este da novela póstuma de García Barros, probablemente escrita na metade do século XX, aínda se di : -*¿E en cánto lla poño? -Hai que armarlle a des pesos* (GB2:106-107).

Permítasenos, como referencia, dicir que peor estaba o mercado da cultura [373].

O precedente relato de Prado Lameiro reproduce de forma bastante plástica as tensións que se viven nunha feira entre comprador, vendedor e intermediarios; tensións que un profano pode non ver porque non se explicitan con palabras pero que van implícitas no aparente desinterese en mercar un e vender outro, nas intervencións de ofrecemento, de puxa, de aparente cordialidade e mesmo de asombro ou ira, tamén aparentes, que realmente mal encobren o recíproco desafío que se escenifica en cada trato. A intelixencia move todo o diálogo.

10.5.3.2. Manuel García Barros

Alberte Quiñoi [374]

> Falábase das vacas. Se se levaban a vender, non había quen dixera ren; se se iban mercar non se lle chegaba, pois habéndoas comprado caras non as deixaban por menos. E logo, que sabíase o que se vendía pro non se sabía o que se compraba.

---

[370] Este cálculo fixémolo referido ós valores do ano 2004.

[371] No texto: *consintinron* (sic).

[372] No texto: *mais*.

[373] *Follas novas*, de Rosalía de Castro, editado en 1880, vendíase a 2 pesetas; o folleto *O Catecismo d'o labrego* de Lamas Carvajal (1889) vendeuse *Pr'os suscritores d'o Tio Marcos* en 0,25 e para o resto do público a 0,50 (TMP 277, 26.05.1889). A suscrición anual ó semanario *O Tio Marcos d'a Portela* custaba seis pesetas en 1889. O libro *Gallegadas* anunciábase nese mesmo número, a "duas pesetas". En 1919 a suscrición anual ó *Tio Marcos* custaba 3 pesetas (a metade) pero era quincenal (TMP 7.07.1919). Nesa época o libro *A carón d'o lume* costaba 2 pesetas (8 reás). En 1928 a suscrición anual ás revistas *Nós* e *A Nosa Terra* custaba 6 pta e unha pastilla de xabón da Toxa, 1 pta. Por iso resulta sorprendente que o 9.08.1886 en Pontevedra se premiase con 125 pesetas a poesía *Revista dunha corrida ¿de touros? na vila de Noia feita por un labrego* (algo así coma sesenta e dous exemplares do libro *Follas novas* de Rosalía ou vinte suscricións anuais ó *Tio Marcos d'a Portela*).

[374] GB2:108-109. Recolle dous sucedidos que escoitara contar o Alberte sobre como foran enganados dous veciños do pai polos tratantes.

- Iso é máis certo do que se dí –opinou [375] Xesús do Porto-. A min socedeume un caso que ben o confirma. Facíame falta unha vaca e fun ó Dazaoito. Entrando, mesmo, vin unha que tiña un rapás pola corda e que non me desgostaba. Chegueime a ila.

-¿A vaca véndese, rapás?

-¡E logo! Pois por pasear non veño á feira.

-¿E ti es quen a vende?

-Craro que sí.

-Logo non tes pai, ou...

-¡Boite, meu pai! Tenlle bastante que facer pola casa, que está miña nai doente e ten que a coidar. Hoxe viña o médeco e tivo que quedar na casa pra cando chegara.

-E por iso te mandou a ti.

-¡Craro! Pois se eu non veño, non había quen a trouxera. E como fan falla os cartos...

-¿E cánto pides por ela?

-Cincoenta pesos.

Eu quedéime mirando a vaca. Un home que andaba pola beira, chegouse a min.

-Mire -díxome-, *o que o rapás lle conta élle a pura verdá. A nai para na cama xa fai tempo; ten rapaces pequenos i o pai vese negro pra remexerse. Como non ten unha peseta, e á muller hai que coidala, mandou a vaca á feira. Eu son case veciño e encarregoume que xa que viña coas miñas lle mirase algo polo rapás.*

A vaca fegurábaseme de xeito.

-A ver, rapás: ¿cánto lle quitas?

-Non lle quito nada.

-Logo, ¿tes palabra de rei?

-Teño, que me dixo meu pai que se non lle daba cincoenta pesos, que a levara, que lla vendia ó tio Xan da Chousa, que inda onte lle daba corenta e oito.

Eu quería a vaca pra parar e tomeille pareceres ó home aquil.

-Eu –díxome- *o úneco que podo facer é responder de que a vaca é de confianza, no demais non me meto. É que está mal coidada, pro a meu ver non sai fóra de precio, pois, coma están os mundos, ises cartos váleos ben.*

Aseñei a vaca nos cincoenta pesos. Din unha volta, i ó pasar por alí de novo, díxome o rapás que a ver se o despachaba logo, que tiña présa [376] en irse da feira. Eu considereime e tratei de despachar.

-A ver, ¿quén cobra a vaca?

O rapás dixo que a cobraba il, pro que tiña que mirarlle os cartos o home aquil que andaba por alí. Veu o fulano, cobraron a vaca, prendina, e funme coila a atala ó poste dun cuberto.

Cando foi hora, fun a collela. Ali atopeime cun tratante que conocía das feiras. Estabamos falando da vaca, cando vin que saía da feira o rapás que ma vendera en compaña do home que intervira no trato.

-Mire, -díxenlle ó tratante- *alá vai o rapás que ma vendeu. Vostede poida que o coneza, pois fegura de por aló.*

O tratante mirou

-Si, ho. É da miña parróquea.

-¿E o paisano que vai coil?

-Pois... o que vai coil é o seu pai.

Non dixen verba. Collín a vaca e funme coila. Non tiña máis defeuto que, posta ó carro ou ó arado, non andaba máis que arrecú. Pra diante non ía nin que a chuzaran. Arrodillábase e metía os cornos na terra, pro arrincar non arrincaba.

---

[375] No texto: *opinóu*. Aquí e nos casos sucesivos retirámo-lo til que o autor utiliza nos ditongos tónicos e que reproducimos nesta nota por orde de aparición: *socedéume*, *Cheguéime*, *mandóu*, *chegóuse*, *mandóu*, *encarregóume*, *toméille*, *demáis*, *Aseñéi*, *consideréime e tratéi, atopéime*, *vendéu*, *miróu*, *Rascóu a gorxa e comenzóu, Cheguéime*, *parecéu... comencéi, respondéume*, *demostróuno*, *Compréina*, *Cheguéi*, *Chaméi*, *Desembetilléi... botéillo, perguntóu*, *Paséille*, *Intentéi*, *berróu*, *ollóu*, *Quedéi*, *Penséi*, *atopéime*, *merquéi... paréume, Custóume*, *Tratéi*, *vendína*, *encontréi*, *Compréina*, *aquivoquéi*, *atopéime*, *levóu*.

[376] No texto: *presa*.

Perdín seis pesos nela.

Fins da Mourenza xa estaba proparado. Rascou a gorxa e comenzou:

Foi tamén na feira do nove. Eu buscaba unha vaca de leite. Chegueime a unha que un home tiña pola corda. Non me pareceu mal e comencei o trato.

-*¿E ila será mansa?*

-*Coma un año* –respondeume.

E demostrouno cofeándoa por todas as bandas, índolle ó ubre e erguéndolle as patas. Compreina. Cheguei a casa moi satisfeito coila. Chamei á parenta decíndolle que trouxera un canado pra lle alixerar o ubre, que o tiña grande e cheo. Desembetillei o becerro e boteillo polo seu lado.

-*¿E será mansa?* -perguntou a parenta.

-*Sí, muller; coma un año.*

Quixen demostrarllo. Paseille a man polas ancas pra ila aloumiñando e funlla metendo ó ubre. Daquela, a vaca dou en beilar. Intentei de novo, pro a cousa foi pior; dou en coucear ó lonxe e dar cornadas pra tras, que por pouco me reventa.

-*¡Ai, condenado!* -berrou a parenta-. *¡Vaites co mansa que é a vaca! Seica te ollou o demo, pra traguer esta fera.*

Quedei pensativo. Non me espricaba aquilo. Volvín a aloumiñala, a ver qué conseguía, pro o resultado foi o mesmo ou pior. Pensei que quizáis estrañase a casa ou a xente. Xa se iría afacendo. Pro nos días seguintes, anque acodín a todas as mañas e recursos distes casos, non tiven millor sorte.

-*Boeno* -dixen-*, á primeira feira vai a vaca.*

Dito e feito. E, xa de entrada, atopeime co home que ma vendera.

-*Estábate esperando* –díxome.

-*¿Cómo é iso de estarme esperando?*

-*Esperábate porque sabía que habías de vir.*

Comprendín que había algún misterio no conto da vaca.

-*Supoño que me darás unha espricación* -díxenlle, un pouco indinado.

-*Pois mira* [377]*, ho; vou serche franco: cada un goberna a súa vida como pode. Eu merquei ista vaca de xovenca e pareume na casa. Fíxose tan brava que non había quen se chegase a ila. Deixábase prender e facía o trabaIlo, pro en canto a botarlle a man á traseira, non había de qué dalas. Custoume traballo, mais, fose por medo ou por outra cousa, conseguín manexala. Pro somentes eu; outro calquera que tratase de botarlle a man pola barriga arriscábase a que o baldara. Tratei de vendela e vendina* [378]*. Na feira seguinte, xa a encontrei, tal como eu supoñera. Compreina de novo, dando des pesos menos do que a min me diran... E, vaia que xa a levo vendido e comprado catro veces en dous meses. A última foi cando ti* [379] *ma mercaches. A vaca non sirve pra ninguén máis que pra min, nin a compra ninguén non sendo eu. Estaba seguro de que a traguerías hoxe e xa ves que non me aquivoquei. Con que..., xa sabes.*

-*De xeito que...*

-*De xeito que... hai que perder des pesos.*

-*¡Des pesos!¿E non abondarían con cinco?*

-*Alá tí. Se queres, pona ahí a ver se podes vender millor; pro ten en conta que se a vaca se decrara na feira, eu non cha quero, e terás que cargar coila.*

Vendinlle [380] a vaca e perdín des pesos. Isto foi o doce. A primeira feira era o dazaoito e alá me fun a ver se compraba. Entrando mesmo, atopeime co fulano da vaca.

-*¿Qué hai, amigo?* -díxenlle-.*¿Cómo anda o negocio?*

-*Non hai queixa. Vendina naquela feira mesma, e pola direución que levou¸fegúraseme que ha de entrar hoxe por esta banda.*

[377] No texto: *Poi mira* (sic).
[378] No texto: *vendína*.
[379] No tdxto: *tí*.
[380] No texto: *Vendínlle*.

10.5.3.3. Xosé Vázquez Pintor

Outro relato das feiras tradicionais do gando que se están a extinguir é o que fai Vázquez Pintor (XVP2:142-150); pola súa plasticidade resulta case unha fotografía etnográfica e del reproducímo-la parte na que os protagonistas son o gando vacún, o gandeiro e os tratantes:

> Chían os carros dos ranchos. As vacas entran polo canellón principal da feira que nace, cos ollos cheos de espanto, desafeitos a tanta xente, a tantas cousas (o monte que non viron); hai que lles dar confianza coa palabra, falar con elas baixiño, en familia, como sabe o labrego que vén de alá: Friúfe, Merlín, Santa Comba, A Baíña, Carmoega, Artoño, Borraxeiros, As Trabancas, Trascastro, Ludeiro, Ventosa, Lamas, Gurgueiro, Ferreiroa, Couso, Esperante, A Lagoa, Vilariño, Parada, Alperiz, Belpellós ... Os ranchos viaxan a bordo, afeitos xa ao trouqueleo dos camiños, ao canto da madeira de buxo, á presencia enriba do cobertor que garda o frío, de ladrairo a ladrairo. Na primeira encosta, no corredor dos polbeiros, os tratantes pendúranse do carro en marcha sen permiso, pode ser un dos da Ponte Campaña: "Ei, que me vai pedir pola niñada, meu amo"; e o labrego segue a conducir a xugada, a falar baixiño coa Linda e coa Garrida, que tiran firmes da vella canción (*se queres que o carro cante ...*). A dona que atendeu a porca, a que foi vendo a nacencia de cada un dos nove, dez ... bacoriños brancos sobre a palla seca de centeo, protéxeos contra aquel home da chambra negra que os abala coa vara ou co bastón:
>
> *-Deixe ir en paz os ranchos, oíu, e baixe do carro, que as vacas veñen de turrar moi lonxe e moito tempo, non andan tan folgadas coma vostede.*
>
> *-¿A canto me has pedir por eles?*
>
> *-Deixe andar ata o seu sitio, ¿si?*
>
> *-Mira que quen fai a feira cedo é quen mellor a aproveita, non sexa que despois ...*
>
> *-E se han de voltar para a casa, voltan, que aínda temos ben con que os manter, graciasadiós.*
>
> Unha vaca de leite aparece tranquila, leva de par a becerriña de a penas dous meses, fermosa de leite e saúde, acaroada en exceso á barbela da nai, que camiña da corda do amo con poucas palabras:
>
> *-Que pide pola familia, señor?*
>
> Non hai resposta.
>
> *-¿Ei, ho, canto ha valer a becerra, ou a vaca tamén?*
>
> *-Non vendo no camiño, vendo na feira.*
>
> *-¡Pois vai, que te leve o demo!*
>
> *-Que te leve a ti, que es moito máis feo.*
>
> Segue un boi novo, puidera ser un xato aínda sen picar; abálanlle as carnes desde a xugueira ata o cu; os ollos dos tratantes debuxan quilos de bistés, faldra, xarrete ...
>
> *-¿Canto pides polo trenco?*
>
> *-Oes, trenco si que estás ti, carallo.*
>
> Tente, o mozo gasta caxato con balouco e chega canso de domar o instinto do animal rebelde; "xa amansarás, xa", a penas rosma o tratante na media distancia, ao tempo que fai comentario cos colegas: "a este éntralo ti primeiro, *bótaslle un salgueiro* na primeira hora e logo xa o remato eu"; "uunnmm, non sei, non sei, pareceume durote o chaval".
>
> Unha egua, arreada cos aparellos novos do trinque, gasta cabaleiro en esporas coma de prata e muliña nova detrás, nerviosa, medoña...; o cabaleiro ten fachenda e esquence a cría, pero non o fai a egua, que a revista, gastando a cabeza, unha e outra vez; é unha egua torda, fermosísima, de bo amo, si señor; un tratante perséguea andando con ela ao trisco, sen deixar de berrar ao cabaleiro: "¿véndesma coa cría ou sen ela?, cómproche as dúas, mírao ben"; a egua aparta a crina da cola e caga limpa, andando ao paso, sen cesar.
>
> Pasan as cabras coa perilla sucia, as ovellas sen la, os cabritiños doces, os carneiros dos grandes collóns; máis vacas marroas, preñadas, velliñas, do xugo, do leite; xatos; xovencas; carros de porcas da fruxe; cabalos gastados, descalzos, fracos...; mulleres con cestas de coellos vivos na cabeza, da orella ghicha, da deitada, brancos, amarelos, cardeños, mansos...; van todos de certo á feira do doce en Agolada, a se vender, mudar de vida ou de morte, ao peor.
>
> Son case as dez da mañá e o neno volta á casa para que os ollos batan axiña no traxe novo, de raias, que agarda na percha polo Severino de Alemparte.

-¿Que, xa viches a feira, Pepiño?

-De todo aínda non.

Falta por asistir á feira no seu sitio, no estatismo, nos espacios do xogo (porque aquí todo semella un xogo de *damedouches, vainonvai, facedeaxá, mecaghoninghundiósquetemesaquesdediante, malditosechedoumáis, toleasouqué, quemeveñaunhanacidasecheminto, asidiosmesalve, poisvelasaquí, eloghononquere venderhoxeouqué, andasametersalgheiroscabrón, oesquedistí, chocaesascinco, queaminbenmecoñeceoteupai, sonopontecampañanonsabesó*).

O recinto é aberto, a penas dúas árbores sen pedigree dan sombra ou abrigo ás primeiras vacas vellas que nada teñen senón ósos que ofrecer aos de Garabás, que uliscan de lonxe, na distancia, a ver se o labrego ronda os moitos anos ou é un mozo lizgairo que aloumiña aínda a testa daquela vaca que lle deu o leite da infancia, os primeiros xatos que ollou nacer, os regos das aradas, as moreas de estrume, a leña para o inverno, a calor da corte, a compaña, o respecto cando el neno lle dicía: "Ghalleira, ven" e ela viña, viraba en redondo, obedecía mansa, regalando a vista no pasteiro, na devesa, no monte longo...Son as once e pode haber ben máis de mil cabezas de gando diferente: roles, status, sortes, especies, estirpes, fames... Os tratantes decidiron xa as estratexias de acoso, chambra e tesoiras, carteiras, baloucos, finos báculos de cana exótica, boinas, chapeos... :

-Ao completar os camións falamos.

-¿Viñeron os leoneses, os asturianos...?

-Si, andan aí.

-Hostia, pois veña, arreade salgueiros ata onde se poida.

-Si, que o labrego é parvo, ¿pensas que non ve?

-Hai que cegalos, carallo, de fronte, nós os primeiros.

-¿A como?

-A mil por riba.

-É pouco, dous mil, de mentir, mentir ben.

-Facede como queirades.

-¿E se aceptan o trato, se se agharran á palabra?

-Nunca o aceptan, e a palabra é a da feira, xa sabes, non é a mesma.

-Non me gustaría quedar mal.

-Que non quedas mal, cona, díghocho eu, non hai trato con eles á primeira vez, nunca foi así.

-¿E se é?

-¡Ui que carallo, ho!, ¡non é!

Abriu o día e sae un sol morno que se agradece. Ferven de pasos e poxas as laxes de granito. A pouco, aquí caga todo o mundo, agás a xente, e énchense os zapatos e os zocos de bosta, cagarría de lixo e mancha que non é.

-Haber logho a marroa –achégase un tratante á rubia galega, mantida, que remoe no aire.

-Pois non é marroa, señor, que está preñada de meses; ¡mire que ben entende!

-¿Xa dá a cría?

-Debe dar, non sei.

O tratante tenta o cocho, aparta o rabo e olla a natura coa precisión do oficio.

-¿De que boi di que está?

-Eu non dixen aínda nada, pero estalle do Celistro do Carballal.

-Logho si que é certo que está preñada, ho, ese non as deixa marchar de baleiro...¿e canto ha ser o trato?

-Danme vintecatro e seiscentos, inda agora mesmo saíron os castellanos de aquí, vostede ben os sabe, que estaba alí ao axexo... oi, carallo, pensades que un é parvo, e na feira todos nos coñecemos.

-É moito prezo, xúroche que non vale eses cartos, afina se queres vender.

-Non a dou por menos.

-Mira que che botaron un salgueiro.

-Anque os boten, se non os dan vai para a casa, que Deus ha de dar arreghlo, onde comen cinco comen seis.

-Dáma, que comigo ha ter sorte, teño encarga para unha casa de boa mantenza, aló en Cutián.

-Hoxe poucos hai que as deixen pasar mal, por eso non me preocupa.

-¿Posma en vinte?

-Bueno*, carallo,* bueno*, ¿está privado ou rise de min?*

-Non é unha risa; ti ben sabes que te aprecio, xa lle mercaba ao teu pai, que en gloria esteña; a vaca é bonita, non nega a cara, pero non vale eses cartos, perdoa nela, asidiosmesalve que si.

-Pois terá que mirar por outra, hai máis na feira.

-Hai, home, hai, pero ghústame esta.

-Pois se lle ghusta ten que paghala polo que vale.

-Pero temos que razoar.

-Eu xa razoo, pídolle o seu, nin máis nin menos.

-Non é certo.

-¿Qué quere que lle digha?

-Que razoes, cona, que para eso somos homes os dous, ¿ou non?

Vaise achegando un círculo de xente curiosa. De lonxe axexan os *castellanos* e outros que son do país. Medra a expectación e as voces. O labrego non oculta o seu orgullo pola rubia fermosa, que segue a remoer e de cando en vez azouta o lombo e a face dos curiosos co rabo áxil, case automático, que alerta e anuncia a furia dos tabáns que axiña virán.

-Tedes que facer feira, por eses cartos non debe quedar a vaca sen vender nin mercar –atrévese un tratante anónimo, sen chambra.

-¿E ti quen es para dicir esto? –pregunta o dono da vaca.

-Non son ninguén, pero se podo botar unha mao bótoa, como me gustaría que ma botasen a min, arreglade.

-¡Trae as cinco! –reclama o tratante a mao do labrego.

-Bueno*... ¿e para que lle vou dar as cinco se non vai mellorar a condición?*

-Eso dilo ti, pero aínda non o dixen eu: ¡van dous mil reás máis!

-Faltan os outros dous...

As dúas mans apértanse, afrouxan, veñen e van nesa danza de forza automática que soamente a saben os interesados. O tratante anónimo arrisca en pór a súa dereita sobre o nó magnífico que forman os dez dedos dos dous:

-Hai que partir, debedes partir as diferencias, mándoo eu.

-Non dou chica máis, queasidiosmesalve.

-Hai que chegar aos vintecatro...

-Gracias, señor, pero non podo, dáme perda, hoxe non vale eses cartos, se teño que dar algo máis perdo, e déixoa quedar.

-Pois tes que chegala os vintedous, mándoo eu.

-Vostede non manda nada, a vaca é miña.

-Xa o sei, ho, pero mira, ves, se é que che faltei, perdoa e voume, que a min aquí non se me perde nada.

-Espere...vostede dixo unha palabra, ¿non si?, pois respectando esa palabra achégolla aos vinteún, ¿vai ou non vai?

Os espectadores, que os hai de todo pelo, sen pelo, con boina e chapeo, fan comentarios distintos, revistan a vaca cos ollos, axexan as mans, que seguen sendo un nó, un cabo rexo, brazo con brazo, corpos unánimes na poxa; e a vaca a remoer, coma se o destino andase lonxe (herba e corte e monte non ha faltar).

-Pois mire, para que vexa que a miña palabra é a dun labrego, voulle dicir a verdade: dábanme por ela vintetrés... e se a quere niso lévaa e se non retírese de aquí, que somos amigos igual, pero retíreseme, ¿eh?

-Así me gusta –resposta o intermediario anónimo-, *¡veña, polo que falta achégate, que a rubia é bonita, e has ter sorte, dígocho eu.*

-¡Canto hai que... oír, dáme perda, seino!; pero eu tamén teño a palabra dun home, anque sexa polo respecto que me merece o teu pai: ¡queda por miña nos vintetrés!

-Pero hama levar axiña, ¿non si?, quero ir xantar.

-Si, home si, e máis págocha, anda chama, tira con ela cara ao camión de Xosé Benito.

-*Así me ghusta* –dixo o intermediario, aparente amigo anónimo, falando con ninguén.

O círculo humano medrou en voces, cadaquén opina *A* ou *B* ou *C*. Quedan os tres sós: o tratante, o labrego e a vaca, recontando os cartos, trocando a corda e o dono, remoendo *a palabra* nun recanto humilde da feira, sobre a laxe con bosta que tripan os paos dos zocos, as gomas dos pés, os cascos. O círculo é xa unha liña quebrada, rota, que camiña na dirección dos porcos, dos becerros, a ver qué pasa noutro sitio, a ver o que hai.

E hai carros con niñadas de ranchos do leite, porcas preñadas, cebotes de tarde...Os porqueiros manexan a tiza de marcar, gobernan os tratos, falan por ducias, collen ao peso os bacoriños, que son de cristal. Están os carros sós, sen a xugada das vacas, que o labrego aparcou nun dos pendellos ao uso, aló enganan o tempo da feira cun feixe de herba seca, lasas da barriga, frieiras da corna, mansas coma a resignación. Algúns rancheiros baixan os bacoriños por enriba dos ladrairos, e lévanos consigo, un en cada man, pendurados polas patas traseiras (que serán os xamóns), arrastrando o maltrato; pezuño e bico en terra, a contramarcha, camiño das gavetas dos coches da feira, sen sequera adeus; e van tisnados de azul en raia garabeta; e cobra o labrego os cartos, a pé de obra, que axexan de lonxe os carteristas (oficio nobiliar):

-*Deixa aquí* –dille a muller ao home descoidado.

E garda ela no seo o feixiño de billetes verdes e castaños, ao quente, onde non ousan chegar as poutas dos ladróns.

Na outra feira, que dista dous pendellos de viño pola metade, os ovelleiros fían a la dos tratos, abrindo as bocas dos animais adultos, erguéndolles o rabo, remexendo a historia dos paricios, leriando coa labrega se o animal é gando das vacas ou do monte.

-*Das vacas, señor.*

-*Pois non mo parece.*

-*Ai, non parecerá, non.*

E maman os años e un carneiro quente venta ao alto, por se hai algo que se perda. Non hai mais ca un pao que cae sobre as cornas por esta vez. As cabras teñen tetas longas e ósos evidentes, de sobra, cos ollos tristes de tanto verde, ou azul.

-*¿Qué me pide pola chiba, patrón?*

-*Vostede dirá.*

-*Doulle cinco pesos.*

-*Darás, ho, darás.*

-*¿E o carneiro?*

-*Velaí o está.*

-*¿Non mo vende logo?*

-*Boooh.*

No currodeguas andan os cabaleiros finos mandando pasear as bestas e os cabalos, as muliñas non, ¿para que, se valen todas por un igual en Castela? Hai animais fermosos, que gastan *galápagos*, freos do trinque... e saben o paso da andadura. Á beira están os burros capados, coas orellas preguizosas e o lombo cheo de albardas ruíns, de malleiras de paos...: ornean contra o vento, sempre ao revés. Unha muliña preciosa élle arrincada de socato á súa nai por un tratante cheo de furia e maldade: paos de baloco e corda larga, turra dela feira baixo, cara ao camión de carga, con matrícula de VA; a nai rincha, pode co amo, e teñen que ser tres homes da aldea a coutala con palabras, forza; súa o animal que perde a filla para sempre, réndese á voz do amo, coma naquela primeira, segunda, quinta vez... E o camión pechado de luces transparentes recibe os berros, os couces das muliñas; vinte, trinta...que se nos van para lonxe, sen medraren máis...

10.6. Labregos e feiras

Algúns refráns manifestan unha explícita incompatibilidade entre a plena atención á agricultura e o comercio co gando. A agricultura é, para o refraneiro, o sólido, o substantivo. O gando, nesta mentalidade tradicional, ten un papel ó servizo da agricultura e da mantenza da xente; o comercio debe ser unha actividade secundaria. No fondo, está aí viva a mentalidade neolítica.

Labrador chalán non colle viño nin pan. (MVN2:94; UCA:18; UCA2:44; VS) [381]
Labrego de moitas feiras, n'atende ben as súas leiras. (VLLM:2,9)
Labrego de moitas feiras, non lle andan ben as súas leiras. (VLLM:2,9) [382]
O bo labrego pola feira non deixa o leiro. (VLLM:2,9) [383]
O que á feira vai e vén, dúas casas mantén. (VLLM:2,15) [384]
O que na feira se deixe enganar, non volva a feirear. (VLLM:2,21) [385]
Si che enganan na feira, non volvas por ela. (VLLM:2,21) [386]

10.7. O pago do gando

Faloume do seu oficio e tamén da xerga que tiñan eles os tratantes de gando nas feiras, e que soamente os do oficio entendían para poder falar diante da xente allea, coma o propio dono do gando xa que así este non se enteraba do que ían pagar por el. (Mond4).

Para entende-las voces que seguen, debe lembrarse que as feiras se coñecen non só polo nome do lugar no que se realizan (coma tal *a feira da Cañiza*) senón tamén polo día en que se fan: *a feira do vinte*. Nalgúns casos este número convértese nunha clave para falar de maneira críptica, de xeito que *unha golada* pode significar 12.000 pta ou, se se está a xogar unha partida de cartas, o rei. As referencias que temos son en pesetas e supoñemos que, coa implantación do euro, estas claves entraron en crise.

EQUIVALENCIA DE FEIRAS E CARTAS DA BARALLA Información dun tratante de Caritel (Ctel1)	
LOCALIDADE	PERIODICIDADE
Monterroso, Pontevedra, O Porriño	1. As
O Rosal	2
Moscoso [387] (Pazos de Borbén)	3
Vilagarcía, Vila de Cruces	4
Caldelas (Ponte Caldelas)	5
A Cañiza, Silleda	6
A Estrada, Ourense	7
Covelo	8
Doade (Beariz), O Mosteiro (Meis)	9
Tomiño	10. Sota
Moraña	11. Cabalo
Cuspedriños (Cotobade), Agolada, Avión	12. Rei

Véxase o que queda dito en 10.3. sobre os días de feira que se converteron en topónimos. Algunhas, teñen dous valores numéricos, por se celebraren dúas veces no mes. Así unha cañiza representa o 6 e mailo 20.

13610 **acabazamento** *s.m.* Exceso que ten unha vaca -ou outra mercancía- sobre o prezo asignado. *'A vaca val cinco mil pesos', ó que se responde: 'ben os val acabazados'.* (GEG:*acabazamento*).

13611 **axuste** *s.m.* Discusión entre comprador e vendedor ata alcanzaren un acordo no prezo da res. (MRM).

13612 **cañiza** *s.f.* Unidade de valor na estimación secreta que os tratantes fan na feira. Utilizan o nome propio de lugar A Cañiza, que celebra a feira o día 20, para expresar un valor

[381] No texto: *cólle* (MVN2), *nin colle* (UCA), *chalan* (UCA2). Saco recolle as dúas formas: *non colle* (que toma de Valladares e de Carré) e *nin colle*.
[382] Llópiz: *ll'andan*. Alude a que se o labrego anda de feira en feira, non dispón de tempo para traballa-la súa terra.
[383] Llópiz: *bó, pol-a*; recólleo en Entrimo.
[384] Llópiz: *â, ven, duas*. Recólleo en Bande. ¿Será porque ten dobre gasto ou, ó contrario, porque gana por dous?
[385] Llópiz fundamenta este consello en que xa lle coñecerán o fraco e tentarán enganalo máis aínda.
[386] Llópiz: *ch'enganan*; trátase dun caso de cheísmo recollido en Noia.
[387] A xente do lugar e da redonda di *Moscoxo.*

determinado (20.000 pta). *Para ti ¿canto vale este becerro?.- Para min dúas cañizas*. Este sistema funciona (ou, máis ben, funcionaba) por zonas non só co nome deste lugar senón cos de todos aqueles que tiñan feira de gando. E funcionaba non só para indicar cantidades de diñeiro senón tamén cartas da baralla. (Mond4).

13613 **coutela 1** *s.f.* Parte do prezo dunha res que se deixa sen pagar ata que pase un mes por se ten algún vicio redhibitorio. (Pont., Xun2).

13613b **escairón** *s.m.* Unidade de valor na estimación secreta que os tratantes fan na feira. Utilizan o nome propio de lugar de Escairón, que celebra a feira o día 19, para expresar un valor determinado (19.000 pesos). *Mételle Escairón e acabas dunha vez*. (Cang7).

13614 **fuga** *s.f.* Elevación dos prezos do gando na feira por haber moita demanda. *A fuga nos bois ainda non se foi. Hai fuga nos bois cando todos queren mercar*. (Parade.).

13615 **golada** *s.f.* Unidade de valor na estimación secreta que os tratantes fan na feira. Utilizan o nome propio de lugar Agolada, que celebra a feira o día 12, para expresar un valor determinado (12.000 pta, que tamén se expresa a través do rei da baralla). *Esta vaca valeu dez goladas*. (Mond4).

13616 **monterroso** *s.m.* Unidade de valor na estimación secreta que os tratantes fan na feira. Utilizan o nome propio de lugar de Monterroso, que celebra a feira o día 1, para expresar un valor determinado (1.000 pta, que tamén se expresa a través do as da baralla). (Mond4).

13617 **mosteiro** *s.m.* Unidade de valor na estimación secreta que os tratantes fan na feira. Utilizan o nome propio de lugar do Mosteiro, que celebra a feira o día 24, para expresar un valor determinado (24.000 pta). (Mond4).

13618 **ofreta** *s.f.* Cantidade que o tratante propón ó paisano para que lle venda a vaca que trouxo á feira para vender. (Ctel1).

13619 **pé 3** *s.m.* Cantidade de diñeiro da compra de gando a medias. "El dinero que producen las crías se divide por mitad entre las partes, soliendo usarse también la práctica de 'arrimar el precio al pie'; es decir, el aparcerador recibe íntegro el importe de la venta, y la parte que corresponde al aparcero se rebaja del precio de la primitiva res, objeto del contrato, que se valúa nuevamente. Por este medio hay casos en que el aparcero llega a librar la res y hacerse dueño de ella" (NT:59). (NT, Viana2).

13620 **punto** *s.m.* Imposto municipal que gravaba o ingreso dun animal nunha feira e o dereito a ocupar nela un lugar (posiblemente o punto) para ofrecelo en venda. A información refírese ó concello de Betanzos. *Na Feira Nova* [estaba] *o gando vacún e os cochos que para entrar alí tiñan que paga-lo punto, gabela que gravaba cada animal e que se entregaba a quen o mercara para que non lla volveran a cobrar*. (XCL2:104).

13621 **rodeiro** *s.m.* Unidade de valor na estimación secreta que os tratantes fan na feira. Utilizan o nome propio de lugar de Rodeiro, que celebra a feira o día 15, para expresar un valor determinado (15.000 pta). A feira de Rodeiro celebrábase o 30 e en Río celebrábase o 14, e esta era a importante. Pasada a metade do século XX, a de Rodeiro empezou a celebrarse o 28 e a de Río o 15. É esta feira de Río (no concello de Rodeiro) a que dá este valor numérico para os tratantes. (Mond4).

13622 **sinal 1** *s.m.* Cantidade a conta que se entrega na feira ó vendedor como garantía de face-lo trato. *É costume dar o 'sinal' ao se concertar unha venda. Este 'sinal' é unha cantidade a conta que despois, mais tarde, hase compretar cô resto ata chegar ao total do prezo estipulado*. (LCA3:104).

13623 **sinal 2** *s.f.* Ver SINAL 1 /13622. *... queréndolle meter na mau a sinal que o outro non quere coller*.... (PL8:54).

13624 **siñal** *s.f.* Ver SINAL 1 /13622. (ERGa).

13625 **pago rabioso** *s.comp.m.* Pago na man. (Pont.).

13626 ***venta a fianza** *s.comp.f.* Venda con pago aprazado. (VLLM).

13627 ***venta ó contado** *s.comp.f.* Venda que se paga na man. (VLLM).

13628 **achegar 2** *v.* Eleva-la súa oferta [o comprador dunha res] ata unha certa cantidade para adquirila. *Espere... vostede dixo unha palabra, ¿non si?, pois respectando esa palabra achégolla aos vinteún, ¿vai ou non vai?*. (XVP2:148).

13629 **aseñar 2** *v.* Dar unha cantidade [o comprador ó vendedor] para afianza-la compra. *Aseñéi a vaca nos cincoenta pesos. Din unha volta i ó pasar por alí de novo díxome o rapás que a ver se o despachaba logo, que tiña presa en irse da feira. Eu consideréime e tratéi de despachar. -A ver, ¿quén cobra a vaca?* (GB2:106). (ERG, GB2).

13630 **atentar 2** *v.* Pregunta-lo valor [dunha vaca ou doutra cousa] nunha feira. (LP2).

13631 **axustar** *v.* Poñerlle prezo na feira [a unha res]. (VLLM).

13632 **mandar 1** *v.* Ofrecer [unha cantidade de diñeiro] [por un animal] na fala dos tratantes de gando.

¿Canto me mandas pola vaca?. Parece máis común aplicalo só á oferta que fai o tratante ó dono da vaca. Así nos Ancares: "En las ferias, los tratantes *porfían un por vender ia'l outro pra comprar, mandando ('ofreciendo') menos del que vale* el comprador, *ía subindo ia baixando* el vendedor, hasta que, por fín, llegan a un acuerdo o *s'arregran*" (Ancares2:170). Tamén na Estrada: *Teño, que me dixo meu pai que se non lle daba cincoenta pesos, que a levara, que lla vendía ó tío Xan da Chousa, que inda onte xa lle mandaba corenta e oito* (GB2:106). -*Cala. ¿É aquela vermella que levache á feira do Tellado? -Si. -(Ó Chafallas). ¿Ti canto lle dás por ela? -Dez con quince reás. -(A Aruxo). ¿E ti canto pides? -A tal mandar, eu non pido. -Pois tés que pidir, senón non hai modo de tratar. -Non pido. - Entón é que non queres vender. -Eu vender, vendo. -Pois ponlle precio á toura, ho. -Vinte pesos. -Algo lonxe estades* (PL8:56). (Ancares2, Cang7, Ctel1, Incio, Pantón, PL8, XER).

13633 **pedir** *v.* Ver PONER 3 /13634. *Pero ti, ¿canto pides pola vaca*. (Ctel1).

13634 **poñer 3** *v.* Sinalar [o vendedor] un prezo de venda [a unha vaca]. -*Véulleme a vaca o mesmo que nola vendéu. -¿Ai sí? Pois vailla poñendo, e se cha compra dis que tes que buscar quen che mire os cartos e ves a buscarme. -¿E en cánto lla poño? -Hai que armarlle a des pesos. Vendéulla. Cando foi pra cobrar foi a buscarme. Miréi os cartos e ila entregóulle a vaca. Il colléuna moi compracido*. (GB2:107).

13635 **quedar 1** *v.* Afianza-lo pago dunha res na feira [a quen quere mercala pero non ten alí diñeiro para pagala na man]. *Quedar por outro*. (Ctel1).

13636 **quedar 2** *v.* Adquiri-la propiedade dunha res por un prezo pactado entre comprador e vendedor. -*¡Canto hai que ...oír, dáme perda, seino!; pero eu tamén teño a palabra dun home, anque sexa polo respecto que me merece o teu pai: ¡queda por miña nos vintetrés!*. (XVP2:149).

13637 **terciar** *v.* Ver PARTI-LA DIFERENCIA /13649. (Ancares2).

13638 **chegar unha vaca [a unha cantidade]** *loc. v.* Eleva-la súa oferta [o comprador dunha res] ata unha certa cantidade de diñeiro para adquirila. -*¿Vendéche-la toura? -Home... puiden, que ma pagaban ben, pro... vel'eí. -¿A canto cha chegaron? -A moito; olla que non contaba qu'ela rubir'onde rubiu. -Daríanche dez pesos. -¡Mama, dez pesos! Non lle viña mal ó que a mercase por ises cartos. -Pois non che se rían dela* (PL8:49-50). -*Se teño que dar algo máis perdo, e déixoa quedar. -Pois tes que chegala aos vintedous, mándoo eu* (XVP2:148). (PL8, XVP2).

13638b **corre-lo gando na feira** *loc. v.* Efectuarse transaccións. *A feira, Tío Farruco, valíalle pouco... mais cartos aínda se baraxaban: o gando ainda corría*. (CVal).

13639 **dar unha misa** *loc. v.* Dar unha parte da ganancia [a quen axuda a mercar ou vender unha res]. As *estacas* por veces comen duns e doutros. (Pont.).

13640 **dar (núm.) de moría** *loc. v.* Dar unha certa cantidade de diñeiro por riba do estipulado ó facer un troco ou trato. *Tes que darme algo de moría*. (Piquín).

13641 **estar arrastro** *loc. v.* Estar moi baixo o prezo [do gando] na feira. (ERG, LT2).

13642 **estar baixo** *loc. v.* Pagarse pouco [polo gando] no momento no que se fala. - *¡Home, non m'amoles, coiro! ¡I-entón a miña toura non val máis de dez pesos! - Pra ti valderá cecais corenta, pro na feira sóo val o que dían por ela, i-hoxe o gand'está baixo. - O gando está como a vós vos peta na gana, rabia. Vós sódelos donos. - Viña ben*. (PL8:50).

13643 **estar por miña [unha res]** *loc. v.* Quedar adquirida [unha res] por [a persoa aludida no pronome]. -*Boeno... Colle (Queréndolle meter na mau a sinal que o outro non quere coller). Colle ho; non sexas burro. Está por miña en dez con quince reás. -¡Mais está!*. (PL8:54).

13644 **facer unha rebaixa** *loc. v.* Baixa-lo prezo se no mes de garantía a vaca non mantén as cualidades que o vendedor afianzou. (Pont.).

13645 **haber fuga** *loc. v.* Haber moitos compradores na feira, o que fai que suban os prezos. *Hai fuga nos bois cando todos queren mercar*. (Parade.).

13646 **ir [o gando] pra abaixo** *loc. v.* Descende-lo prezo que se paga [polo gando] dunha feira á seguinte. *Pero xa sabes que todo sobe, non sendo os becerros, que van de cote abaixo* (GB1:180). -*Alá ti. Pénsao ben. Ólla que si mañán ma das en cinco, qu'inda eu adoeza com'os cás da rabia si cha quero. -Non dou, non. Non teñas medo. -Boeno entón. Coido que che vai pesar. O gando vai pra baixo; de feira á feira non se fai con dez pesos en cabeza; así Dios me salve. Ti verás. -Está visto. Denantes de a dar nises cartos, doulle cun machado na testa* (PL8:54). (GB1, PL8).

13647 **levar fiada** *loc. v.* Mercar [unha vaca] e levala para a casa [o comprador] deixando o pago para cando dispoña de diñeiro. (Ctel1).

13648 **mandar a rentes** *loc. v.* Sinalar un prezo moi

aproximado ó que se considera definitivo para non andar releando. (Ctel1).

13649 **parti-la diferencia** *loc. v.* Ceder [comprador e vendedor] a metade do diñeiro que separa a oferta da demanda para poder realiza-la operación. A acción de *parti-la diferencia* evidencia un manifesto desexo de mercar e vender. Só queda concertarse en pequenas diferenzas de prezo. Durante este axuste, que pode leva-lo seu tempo, comprador e vendedor porfían collidos pola man e sacudíndoa interminablemente. O ritual remata cando un terceiro intervén para conciliar e normalmente ponlle a corda na man ó comprador e pronuncia o consello ritual que milagrosamente convence ós interlocutores: *¡Partide a diferencia!*. E pártena. A continuación, vano celebrar comendo ou bebendo algo xuntos (*conrobla* ou *alboroque*). *Os 'tratos do gando' inícianse sen mediador; vendedor e comprador discuten e negocian ofertas. A xestión lévase a bo fin ó través dun intermediario, 'o que parte a diferencia' entre os precios estipulados polas dúas bandas, achegando cantidades ata dar chegado a un acordo. Nos tratos empréganse, actualmente, categorías conceptuais similares ás matrimoniais. Así, dí o mediador: 'Eu queríavos casar, pero non ... vos non queredes dárvo-la man. Amañaivos, ho!, un cede un pouco e o outro tamén'. 'O que parte' non gaña nada a excepción dun pequeno convite ritual, a 'conrobla' 'uns vasos de viño e mailo polbo', que pecha definitivamente o trato. O 'chufón', que intervén nos tratos matrimoniais, diferénciase do que parte en que este último non ter por que coñecer ós intervenientes no trato, aínda que, en certos casos, se basea en que coñece a algún dos dous pra darlle mais seriedade ó trato* (MMLC). *Despois que o tio Xacobe fixo a merca d'as becerras y-andivo partindo difrencias antr'outros viciños que non s'entendían, chegou a hora de xantar* (XF:4). (Ancares2, Ctel1, Cunt3, LCA2, MMLC, XF, XVP2).

13650 **poñer en + (núm.)** *loc. v.* Establece-lo prezo en que un está disposto a vender [unha vaca]. *Téñolla posta en tanto aí a un fulano* (GB2); *¿Posma en vinte?* (XVP2). (Ctel1, GB2, XVP2).

13736 **porlle o nome a (bois / vacas / gando)** *loc. v.* Porlle prezo de venda na feira [a unha res]. (VD).

13651 **vender *colas libres** *loc. v.* Vender [unha res] reservando para si o vendedor unha parte do animal, neste caso o rabo. Supoñemos que tamén se podería aplicar a outras partes coma o coiro, a media canal, un cuarto, o vergallo etc. (MVN5).

13652 **a medias 3** *loc. adv.* [Vender unha res] reservando para si o vendedor unha parte do animal (Viana3).

13653 **¡está falado!** *fórm.* Fórmula coa que se pecha un trato nunha feira. O rito consiste en cuspir na man, darlle a man ó interlocutor e, mentres a sacoden, os dous din esta fórmula de conformidade. (Fre-S).

13654 **¡trato feito, vaca vendida!** *fórm.* Fórmula coa que se pecha un trato nunha feira, dándose a man os dous contraentes e sacudíndoa ritmicamente ó compás dos acentos de cada unha das palabras. (Sarria5).

Boa feira chincla na faltriqueira. (VLLM:2,5) [388]
En bois tratarás e cartos ganarás. (VLLM:1,141) [389]
En gado novo ninguén perde. (VLLM:2,87) [390]
En gado tratarás, e ganarás. (VLLM:2,88) [391]
En gado tratarás, e medrarás. (PdM:12; UCA2:36)
En gando tratarás, e medrarás. (ERG:gando; VS) [392]
O que en gado treita, medra. (VLLM:2,91) [393]
O que trata en gado, medra de contado. (VLLM:2,91) [394]
O avindo, a comprilo. (VLLM:2,14) [395]

[388] Llópiz recólleo en Ferrol.
[389] Recólleo en Xabariz de Eume (Pontedeume).
[390] Llópiz: *gâdo*; recólleo de P. Dopico, gandeiro de Arteixo.
[391] Llópiz dá tamén a variante *treitarás*.
[392] Saco ofrece os seguintes equivalentes: P.: *En gado tratarás coma medrarás* (Chaves); E.: *En ganado tratarás y medrarás* (Correas).
[393] Llópiz: *gâdo*; recólleo de Noriega Varela (*Notas*, Ribadeo).
[394] Llópiz: *gádo* (sic); recólleo de Carré Aldao.
[395] Llópiz: *avîndo*, *compril-o*; recólleo en Castroverde (Lugo) e alude a que os acordos da feira son sagrados.

Primeiro de axustar, ralear. (VLLM:2,19) [396]
Vaca a seis, craba a tres. (VLLM:1,154) [397]
Venta ao contado, diñeiro gardo; venta a fianza, diñeiro á balanza. (VLLM:2,23) [398]
Vertolán na feira, furos na faltriqueira. (VLLM:2,23)
Vertoleiro na feira, asobíalle a alxibeira. (VLLM:2,23)

Chamácheme moreniña
e non me asañei por eso;
na feira todo se vende
cada cousa no seu precio. [399]

Chamáchesme moreniña
moito ghusto non me doue
cada cousa no seu precio
na feira nunca sobroue. [400]

Pinto pinto,
rebelinto,
vendín a vaca
a vintecinco,
a pequena,
a redonda,
a quen lle toque
que se esconda. [401]

Con cen pesos merquei cen cabezas:
os bois a cinco pesos;
os carneiros, a peso,
e as pitas a real. [402]

Venta dunha vaca [403]

O trato pasa na [404] feira de Gontán.
-¿Canto pide por éla?
-Setenta pesos [405].
-Mire, home: Eu quérolla para volver a vender, i-o que vostede me pide é moito. [406]
-A vaca algo vale.
-Vale, é certo; vale trinta pesos [407] *como o que ten gana de comprala.*
-Mírelle a boca.
Miroulla.
-¿Cómo é a gracia de vostede?
-Chámome Fernando e son de Santa María de Cospeito, que non teño porque negal-a patria.
-Pois con salú o conte.
-E vostede que viva.
-Mire, señor Fernando: O dente vai moi gastado.
-¡Ahí se ven as pacedoras!
-Señor Fernando: A vaca é vella i-os dentes tenos descarnados.
-A vaca ten doce anos.

---

[396] Recólleo en Ribadeo.
[397] Llópiz cita a E. Álvarez Giménez (Ourense 1900) pero este, no seu *Refranero agrícola y meteorológico* (Pontevedra 1904), non cita este refrán nin outro parecido, nin tampouco usa nunca a forma *craba*. Tampouco o atopamos no refraneiro que o mesmo autor publicou nos números 19, 21 e 22 da revista *Ultreya* (1920).
[398] Llópiz: *â balanza*; recólleo en Ourense.
[399] DBP:1515. No texto: *no'me*.
[400] SCHU6/2/2163.
[401] Lama2:219.
[402] A solución son 19 bois, 80 pitas e 1 carneiro (PM:254). Tendo en conta que a solución debe estar constituída por números naturais (enteiros e maiores que cero), esta é a única solución posible, pero baixo unha interpretación estritamente matemática –e lóxica- tamén sería válida outra solución: cero bois, cen carneiros e cero galiñas, xa que no enunciado non se esixe que as cen cabezas teñan que ser das tres especies. Neste caso, o prezo dos bois e das pitas estarían só para despistar.
[403] Mondo4b.
[404] No texto: *n-a.*
[405] 70 pesos = 350 pesetas = 2,10 €.
[406] No texto: *y-o*. Tamén no resto do texto: *y-os dentes, y-é boa, y-agora, y-a mín, y-a xurda, y-as caras*.
[407] 30 pesos = 150 pesetas = 0,90 €.

-Mire, señor Fernando: Na [408] *miña terra, ós* [409] *doce anos téñenos com'o día que naceron.*

-¿E de onde é vostede?

-Son de Rego de Cás, n'a cunca de Mondañedo, e chámome o Villoés.

-Pois por moitos anos.

-E vostede que os vexa.

-Mire, Villoés: Na sua [410] *terra sonlle as herbas móles. Élle outro pasto. En Cospeito, as vacas pacen carrascas, xestas e codesos, e por eso teñen a ferramenta gastada.*

-A vaca oiulle moitos cucos, señor Fernando. Non lle quero decir que seña de mala construción, non, que nos seus tempos debeu de sere boa; pro agora... ¡xa ve!

-A vaca foi y-é boa, das [411] *boas si as hai* [412]*. Tenme dado esta pucha chea d'ouro. E ben-a ve qu'é redonda e goapa coma poucas*.

-Pro vostede comeulle o ben todo y-agora quere vendela coma nova, e non pode sere. Si lle convén, déixema ir, e senon, Dios lle día moito ben dela [413]*, y-a mín dos cartos*.

-Así vamos ben ambos. Pro... a vaca ha de levala, Villoés, ¡que así Dios me salve lle convén!

-Comenencia non lle é ningunha, señor Fernando, pois pr'o traballo non lle sirve moito.

-¿Traballar? Traballa a dreita y-a xurda; pro â dreita... ¡nai que me pareu!

-Pois o dito, señor Fernando. Nunca ela á porta ma [414] *tire, si cadela lle dou dos trinta pesos* [415].

-¡Ai, ho! ¡Sállanme os cornos na testa si lle quito un sacro do [416] *que lle pidín*!

-¿Quer partir vinte pesos [417]?

Chega Piñeiro, de Seivane, vaqueiro; colle a mau dreita do Villoés, xúntaa coa mau dreita do señor Fernando, ergue ambas, tendo conta delas [418], e di moi entestoado:

-¿Quedan partidos eses vinte pesos?

-Partidos están –di o señor Fernando- *qu'eu nunca falto ós* [419] *homes de ben i-as caras honradas. A vaca está vendido para cento e un anos.*

-Pois vamos a mollala –di o Villoés- *para que Dios día sorte a tod'o mundo*.

O trato dos compadres[420]

Dous compadres firmaron eilí dunha vez, como a reo se facía entre campesiños, cunha aperta un trato. Un vendéralle ó outro unha vaca e tratándose de homes de palabra, demais de compadres, comprador e vendedor deixaron para máis adiante concretar fecha do pago con un *xa nos poñeremos de acordo*. Mais velaiquí que o que mercara o animal facíase da parte de afóra [421] cada vez que o vendedor lle amentaba de que iba sendo hora de acorda-lo día de pago.

O que vendera o animal dou por perdida a posibilidade de entendemento pacífico, pois quen mercara, cada vez que lle reclamaban os cuartos, traíalle a acordo o pacto feito: que debían poñerse os dous de acordo. E claro, non se podía cumpli-lo acordo porque bondaba que un dos dous se opuñera para que a vaca quedara sen pagar.

---

[408] No texto: *n-a.* Tamén no resto do texto: *n-os seus, n-a testa.*
[409] No texto: *ôs.*
[410] No texto: *n-a sua.*
[411] No texto: *d'as.*Tamén no resto do texto: *d'os cartos, d'os trinta pesos, d'o Villoés*
[412] No texto: *hay*.
[413] No texto: *d'ela.*
[414] No texto: *â porta m'a.*
[415] 30 pesos = 150 pesetas = 0,90 €.
[416] No texto: *d'o.*
[417] 20 pesos = 100 pesetas = 0,60 €.
[418] No texto: *d'elas.*
[419] No texto: *ôs.*
[420] Bierzo2:72-73.

Así que o que se sentía burlado andaba pescudando como obrigar ó compadre del a paga-la vaca. Foi onde un avogado [422] e logo de cuntarlle o caso díxolle:

-Teis que convidalo, e cando el beba aproveita para acompañalo. Se consigues eso, terá que cumpli-lo acordo.

Volveu o compadre para casa e túvolle dando voltas á cabeza para cumplir co encargo do avogado, mais sen que o compadre presentira nada ó torto. Así que esperou un encontro ó direito e aproveitou para convida-lo compadre na cantina. O outro, anque algo estrañado [423], aceptou e cando levantou o vaso para beber, fixo outro tanto, e a un tempo, o vendedor dicindo:

-¡Pola vaca!

Aquello supoñía o señal de acordo público que tanto anduvera esperando, pois era deste xeito como se firmaban os tratos. Así logo o compadre amigo do alleo non lle quedou máis saída que paga-lo animal.

Nun conto asinado por Marcial Valladares [424] nárrase a picardía dun criado para engana-lo seu amo e mais un oso e quedar con dous mil reás e mailas ovellas todas do amo. O criado recibe o encargo de ir vender unha parella de bois e véndea coa cautela *colas libres*, que quere dicir que vende pero reservando para si os rabos dos animais.

...

-Pedro, ¿queda sementada a leira [425]*?*

-Si, señor, e de man de amigo [426].

-Pois agora teis que ir vende-los bois [427].

-Bueno. E ¿en canto os hei de vender?

- No que poidas, asegún vexas ti a feira. [428]

Saleu pra esta cos bois e, ó primeiro [429] comprador que se presenta pídelle dous mil reás, *colas libres*. O comprador, o que tal ouviu, íbase sin facerlle apenas caso; pro el [430], mentira abaixo, mentira arriba, pondera que te pondera os bois, arrancoulle os dous mil reás, e díxolle ó cobralos [431]:

-Colas libres, se entende [432].

-Pscht. En canto a eso [433] -respondeu o comprador- *unha vez que os compro pra matar, levaralas.*

E, cortándollas ós bois, doullas seguidamente ó vendedor [434].

---

[421] No texto: *afora.*

[422] No texto: *abogado* aquí e unhas liñas máis embaixo.

[423] No texto: *extrañado.*

[424] "Os tres hirmans" (MVN5:1-4). O *TILGA* recolle outra versión do mesmo 1888 (*O Novo Galiciano. Defensor d'os intreses gallegos*, nº 16, 2.12.1888, Pontevedra, sen título): *E ¿en canto os hei de vender? -N'que poidas, asegún vexas ti a feira. Saleu pra esta cos bois e, ó primeiro comprador que se presenta, pidelle dous mil reás, colas libres. O comprador, ó que tal oieu, ibase, sin facerll'a penas caso; pro el, mentira abaixo, mentira arriba, pondera que te pondera os bois, arrancoull'os dous mil reás e dixoll'ó cobrá-los: Colas libres, s'entende. Pscht. En cant'a eso, responde o comprador, unha ves que os compro pra matar, levará-las. E, cortandollas ós bois, doullas seguidamente o vendedor. Satisfeito Pedro da súa venta, torna pra a casa cos cartos na faltiqueira e na man os rabos, espeta os últimos nunha tremesiña, deixando as serdas fóra e, continuando a marcha, encara a pouco co amo que lle preguntou: ¿Vendiche, Pedro? Non, señor; pois, pasando pola braña, empeñarons'en bebé-los bois e alí quedaron enterrados. Pareceme qu'eso n'é verdá. Se n'o quere creer, n'o crea, ou veña a vé-lo por seus ollos. Corren os dous ó pé da braña e alí agarrando Pedro o amo por un brazo, dixolle: ¿Ve usté as puntas daquelas colas? Vexo. Pois sonll'as dos seus bois. Faga, se gusta, a proba de turrar por elas, a ver se os desentoña, qu'eu a tanto non m'estrevo. Nin eu tampouco, contestou o amo. E volveronse pra a casa entrambos; Pedro, interiormente moi alegre; seu amo, mordendo os beizos, reprimindo a cólera que demostrar non lle conviña. É un pillastre e non podemos desfacernos del, dixo logo despois á muller. Cala, replicou el. Hémo-lo de mandar con mitá d'habenza, xunt'ó oso. Mandáro-no tamén alá; mais Pedro e o oso fixeronse de pronto...*

[425] No texto: *sementad'a leira.*

[426] No texto: *sí, d'amigo.*

[427] No texto: *vendel os bois*

[428] No texto: *N-o, asegun*.

[429] No texto: *c'os bois e, ô primeiro*

[430] No texto: *él.*

[431] No texto: *díxoll'ô cobralos.*

[432] No texto: *s'entende.*

[433] No texto: *á eso.*

[434] No texto: *ôs bois, ô vendedor.*

Satisfeito Pedro da súa venta [435], torna pra casa cos cartos na faltriqueira e na man os rabos [436]; espeta os últemos nunha tremesiña [437], deixando as serdas fóra [438] e, continuando a marcha, encara a pouco co amo [439] que lle preguntou:

-¿Vendiches, Pedro?

-Non, señor; pois, pasando pola braña, empeñáronse en [440] *beber os bois e alí quedaron enterrados.*

-Paréceme que eso [441] *non é verdá.*

-Si non o quer creer non o crea [442]*, ou veña a velo* [443] *por seus ollos.*

Corren os dous ó pe da braña [444] e alí, agarrando Pedro ó [445] amo por un brazo, díxolle:

-¿Ve usté as puntas daquelas [446] *colas?*

-Vexo.

-Pois sonlle as dos [447] *seus bois. Faga, si gusta, a proba de turrar por elas a ver* [448] *si os desentoña, que eu a tanto non me estrevo* [449]*.*

-Nin eu tampouco, contestou o amo.

E volvéronse prá casa [450] entrambos; Pedro, interiormente mui alegre; seu amo, mordendo os beizos [451], reprimindo a cólera que demostrar non lle conviña.

...

A restrición ten o aire dunha fórmula cautelar tradicional, porque o conto debeu de ser popular, xa que Valladares asina *Pol-a recoleucion* pero sen indicar onde o recolleu. Mesmo así, presenta dúas dificultades: primeira, que a palabra *cola* para designa-lo rabo é insólita en galego e nós só a temos recollida en puntos das provincias da Coruña e Lugo, sendo que habitualmente Valladares recollía os materiais etnolingüísticos na comarca da Ulla, onde a forma común é *rabo* [452]. A segunda dificultade é que en ningún outro lado encontramos esta aparente fórmula cautelar de venda. Así que sospeitamos que é unha creación do autor deste conto.

Pero, de non existir a fórmula de venda *cola libre,* non excluímos que algunha vez se vendese *coiro libre*, por exemplo, ou outra parte do animal (*perna libre, man libre...*), aínda que non conservémo-lo testemuño e que sobre esa condición o autor do conto crease o sintagma *colas libres.*

O que si que detectamos é a venda a medias, en terras de Viana do Bolo, cando unha persoa vende unha vaca para matar pero reserva para si unha parte desa vaca, a metade, por exemplo.

10.8. Outros aspectos do trato

Tradicionalmente tras unha venda na feira os participantes na operación comparten unha cunca de viño e polbo. É curioso que, trala crise mortal das feiras e a súa conversión en mercados de roupa e calzado, xa sen gando polo medio, come-lo polbo á feira é case o único que queda da feira tradicional. Pero este convite ten fondas raíces no intercambio que xa na Idade Media se facía para confirmar (*roborare*) o trato

---

[435] No texto: *d'a sua venta.*

[436] No texto: *torna pr'a casa c'os cartos n-a faltriqueira e n-a man os rabos.*

[437] No texto: *espet'os últemos n-unha.*

[438] No texto: *fora*.

[439] No texto: *á pouco c'o amo.*

[440] No texto: *pol-a braña, empeñárons'en.*

[441] No texto: *qu'eso.*

[442] No texto: *Si non-o quer creer non-o crea.*

[443] No texto: *á velo*.

[444] No texto: *ô pé d'a braña.*

[445] No texto: *ô.*

[446] No texto: *Vé, uste, d'aquelas.*

[447] No texto: *sonll'as d'os.*

[448] No texto: *á ver.*

[449] No texto: *qu'eu á tanto non m'estrevo.*

[450] No texto: *pr'a casa.*

[451] No texto: *mordend'os beizos.*

[452] O feito é que só utiliza unha única vez a forma *rabos* (*n-a man os rabos*) mentres que no resto do relato emprega sempre a forma *colas* ou claras referencias a elas (*dous mil reás, colas libres; colas libres, s'entende; levaralas; cortándollas ôs bois; d'aquelas colas; sonlle as dos seus bois*).

feito. A *roboratio* ou *robra* ou *conrobra* confirma e dá publicidade ó convenio realizado. Nos actos mercantís importantes (doazón ou compravenda) na Idade media a *roboratio* chegaba a ser un boi óptimo (*unum bovem obtimum;* Sobrado 1162), unha xuvenca (*unam iuvencam*; Sobrado 1173), seis queixos (*VI caseos*, Sobrado 1213), un boi e unha pel óptima (*unam pellem obtimam... unum bovem optimum*, Fiães 1219), unha vaca boa (*unam bonam vacam* (Fiães 1236), unha tenreira (*unam vaccam tenreiram*; Fiães 1240), un boi e unha cea (*unum bovem et unam cenam*; Oia 1217), un almallo ou unha xuvenca (*uno almalio aut iovenca*; Toxosoutos 1215). Pero moitas veces non pasaba dun vaso de viño, pan ou queixo ou simplemente *hun iantar* (JFVV).

De todo aquilo vén o noso polbo á feira.

13655 **albaroque** *s.m.* Comida breve e sinxela que se fai ó pechar un trato ou que se dá ós obreiros ó rematar unha casa. Leiras defíneo como "alboroque, robra" (MLP:427). Como define en castelán, vexamos como define o DRAE *alboroque*: "1. Agasajo que hacen el comprador, el vendedor o ambos a quienes intervienen en una venta. 2. Regalo o convite que se hace para recompensar un servicio o por cualquier motivo de alegría". Tamén Eladio Rodríguez recolle esta voz, pero sen facer referencia expresa ó trato do gando: "Acto de dar por terminado un convenio o venta, bebiendo un vaso de vino o tomando algo en señal de que el contrato está ultimado.// Comida que se da a los operarios o jornaleros después de terminada una obra o faena agrícola, *Gueste*.// Convite con que se da por celebrado un contrato, *Albiroque*.// Copa de aguardiente que suelen tomar los trabajadores por la mañana en ayunas, *Albaroc*, *Albaroque* [sic], *Albroque*". Ventín Durán recolle así esta forma de celebrar unha boa feira: *Un petrucio mercou n-a feira unha xovenca nídia e rexa que mesmo daba xenio vel-a. Despois de emborcar unhas poucas de cuncas do ribeirán á sorte da boa 'feira' compra que fixera, véuse prô eido con a becerrota pol-a corda. Nunha chaira erma do monte púxose a picar tabaco pra facer un pito e n-un descoido o animal, d-unha arringadela, fuxíulle con a corda arrastro, como alma que leva o demo* (VD:363). Nicolás Tenorio menciona tamén a celebración deste convite -co nome de *alboroque*- o día en que se le a primeira amoestación dunha voda, ofrecido polos noivos a tódolos mozos da aldea. Se os noivos son de aldeas distintas, el ten que invitar ós mozos da súa aldea, e ela ós mozos e mozas da súa (NT:73-74). (Com1, Dum., Laxe, MLP, Vala).

13656 **alboroque** *s.m.* Ver ALBAROQUE /13655. (Gun., Vil.).

13657 **albroque** *s.m.* Ver ALBAROQUE /13655. (Com1).

13658 **conrobla** *s.f.* Convite ritual a viño e polbo que os feirantes ofrecen a quen os axudou a *parti-la diferencia*. Rivas Quintas estende o significado á celebración que remata calquera obra, despois de poñe-lo ramo (ERQ:56). (Lim6, MMLC).

13659 **parda 6** *s.f.* Ver CONROBLA /13658. *Antes, despois de facer o trato faciamos unha invitación na taberna, chamábase 'a parda'*. (XVP2:163).

13660 **robla** *s.f.* Ver CONROBLA /13658. (ERG, Lim6, Piquín).

13661 **feirear 2** *v.* Andar pola feira por se distraer ou mata-lo tempo. (ERG).

13662 **botar a robla** *loc. v.* Celebrar un bo trato invitando ós que interviron nel. *D'unha vez lograron a fertuna de venderen por trinta pesos unha xubenca que mercaran en Esgos por dazasete. A maores de botar a robla, beberon entr'os dous dazaseis netos n-o xantar. Lamberon ademais unha fonte de pulpo, que posta n-o peso d'o rey, xuncras leve si non pesaba trinta libras, piques arriba, piques abaixo. Ó decir d'eles, d'aquela puxéronse como calóndrigos. Como si os calóndrigos comesen como bestas*. (An8:3).

Dúas mulleres e un cesto fan feira. (VS)
Iste non é sitio de tratos nin contratos: o que queira vender, que vaia á feira. (VS) [453]
Manuel anda na feira coa capa remendada; anda Manueliño, anda, quen mal anda mal acaba. (VS)
Non me preguntes do unto nin da untada, pregúntame do que na feira andaba. (VS)
Non me preguntes nin polo unto nin pola untada, pregúntame polo que na feira se quedaba. (VS)
O que vai cos da feira e volve cos do mercado, non merece bon pago. (VS)

[453] Saco recolle tamén as variantes: *nin de contratos, o que queira comprar e vender*.

10.9. Consellos ó que merca

A boa feira máis anda na merca que na venda. (VLLM:2,2) [454]
A gaanza na merca anda. (VLLM:2,2)
A ganancia vai na compra. (VLLM:2,2; UCA2:22; MVN2:62) [455]
Merca onde haia abondo, vende onde haia pouco. (VLLM:2,11) [456]
Merca onde venden, vende onde merquen. (VLLM:2,11)
Mercar ó atreitado, vender ó potentado. (VLLM:2,11) [457]
A boa vaca de leite na corte se vende. (VLLM:1,156) [458]
A vaca de boa teta vese na estrebeira. (VLLM:1,157) [459]
A vaca de boa teta véndese na estrebeira. (VLLM:1,156) [460]
A vaca vese na estrebeira. (VLLM:1,131) [461]
A ixola é a nai do choio. (VLLM:2,14) [462]
A mangaña salva a angueira. (VLLM:2,14) [463]
O que busca o choio non quer a outro. (VLLM:2,20) [464]
A mala feira, corda baleira. (VLLM:2,2) [465]
Máis val corda baleira do que mala feira. (VLLM:2,2) [466]
Máis vale corda baleira que ruín feira. (VS)
Máis vale ruín feira que corda baleira. (VS)
Millor é volver cas mans baleiras que facer mala feira. (VLLM:2,11) [467]
Pra feira mala, corda baleira. (RCl:150) [468]
Pra mala feira, corda baleira. (VS) [469]
Pra mala feira, corda baleira; e, se a feira é mala, nin corda nin nada. (VS) [470]
Pra ruín feira, a corda baleira. (VS) [471]
Pra ruín feira, corda baleira. (ERG:feira; ANV1:106; UCA:36.18; Vala.; VS) [472]
Pra ruín feira, corda baleira; e pra feira mala, nin corda nin nada. (TCha:94) [473]
Ruín feira, corda baleira. (Gro5)
Se hai ruín feira, corda baleira. (GEG:feira) [474]
Val máis corda baleira que mala feira. (VS)

---

[454] Llópiz: *, mais*.

[455] No texto: *gaanza* (VLLM); *n-a compra* (MVN2).

[456] Llópiz: *aia*; comenta que este refrán, recollido na Coruña, formula o principio infalible da oferta e da demanda.

[457] Recólleo en Ourense.

[458] Llópiz explica que é porque a sona que colle de dar bo e moito leite fai que veñan moitos a querer mercala xa na corte; di recolleo na Ponte do Arcediano, onda Melide, de A.G. Gayoso (probablemente se refire á parroquia de San Xoán da Ponte Arcediago, no concello estremeiro de Santiso).

[459] Llópiz di que é máis cabal este refrán que aqueloutro *A vaca vese na estreveira*: a calidade da vaca vese no momento de muxila, polo leite que dá. Recólleo tamén de A. G. Gayoso.

[460] Llópiz explica que a *estreveira* é o lugar da corte onde se moxen as vacas: alí a vaca que é boa encherá a canada do leite. Recólleo tamén de A. G. Gayoso, na Ponte do Arcediano.

[461] Llópiz recólleo na Ponte do Arcediano (Melide).

[462] Llópiz explica que *ixola* é, como a *mangaña*, a arte ou habilidade para mercar ben e vender mellor e que *choio* é todo asunto frutífero.

[463] Llópiz explica que *mangaña* é a arte para mercar ben e vender mellor. Outros autores son máis explícitos: *Engañifa, trampa con apariencia de utilidad para el engañado* (ERG).

[464] Llópiz: *choi*; recólleo en Pontevedra. *Corda baleira* quere dicir volver da feira sen mercar nada, porque quen vai á feira leva a corda e coa corda volve sempre á casa, tanto que volva coa res coma sen ela. Cando se vende unha vaca (e mesmo un porco), os gandeiros nunca venden a corda porque cren que é de mal agoiro darlla coa vaca porque se daría a sorte da casa.

[465] Llópiz: *valeira*; recólleo de V. Risco.

[466] Llópiz: *Mais*.

[467] Llópiz: *cás*, *valeiras*.

[468] No texto: *valeira*.

[469] VS: *Pa mala*.

[470] VS: *valeira; s'a feira.*

[471] VS: *valeira*.

[472] ANV1, UCA e Vala: *ruin*; VS: *ruíña feira*; ERG, ANV1, UCA e Vala: *valeira*.

[473] TCha: *rin*, *valeira*.

[474] GEG: *ruin, valeira.*

Val máis corda baleira que ruín feira. (ERG:corda) [475]
Val máis corda vacía que ruín compraduría. (Mel2:462; Carb-L:204; MVN2:102; ZM:246) [476]
A vaca máis feireada non é a mellor vendida. (EGE:93)
A vaca mui feirada, nin vendela nin comprala. (VS) [477]
Vaca feirada nin vendela nin comprala. (Luar 4.07.2008).
Boi de ventre non mente. (VS)
Cando vaias prá feira, non che esquenza a carteira. (VS)
Cando vaias prá feira, que non che esqueza a carteira. (VS)
Sempre que vaias á feira, ten coidado ca carteira. (VS) [478]
Compra na casa e vende na feira. (PdM:29; JASA3:219; UCA2:29; ZM:67; VS) [479]
Compra na feira e vende na casa. (XTC4)
Mercar, na feira; e vender, na praza. (ERG:feira)
Vende na casa e merca na feira se queres saír da laceira. (XLFG; XMSH:72) [480]
En cativo fato, estar pouco rato. (VLLM:2,87) [481]
En fato cativeiro parar pouco tempo. (VLLM:2,87) [482]
En gado rañoso non fites o ollo. (VLLM:2,87) [483]
En gando ruín non hai en que escoller. (VD:135) [484]
En ruín gando pouco hai que escoller. (JASA:313; JASA2:366; JASA3:221; UCA2:36; EAG:15; VLLM:2,87; ZM:98; VS) [485]
En tan ruín gando ¡hai tan pouco que escoller! (An16c) [486]
Entre ruín gando pouco terás que escoller. (ERG:gando; VS)
Intre gado cativo pouco hai que escoller. (VLLM:2,88) [487]
Ruín gando, pouco ten que escoller. (XFV:45; VS) [488]
Moita habilidá hai que ter pra enganar ao que sabe vender. (VLLM:2,7) [489]
Quen vai ao mercado ou fixo boa feira ou torna enganado. (VLLM:2,21)
Muller de Xavestre e boi de Chaián, compralo hoxe e vendelo mañán. (NevesC) [490]
Nin bois á noite nin muller á lus da candeia. (VLLM:1,145) [491]

---

[475] ERG: *valeira*. Aconsella este refrán volver sen mercar nada antes que facer unha ruín compra.

[476] No texto: *vale* (Mel2); *vale, córda, ruin* (MVN2).

[477] Saco dá tamén este paralelo: *Besta que vai a tódalas feiras algún defeuto ten.*

[478] VS: *vayas a feira, cuidado.*

[479] Saco ofrece os seguintes equivalentes: P.: *Comprar em feira, vender em casa* (Chaves); E.: *Compra en tu casa y vende en la plaza* (R. Marín), *Compra en tu casa, vende en tu casa y harás casa* (R. Marín), *Compra en la plaza, y vende en tu casa* (Correas), *Comprar en feria y vender en casa, segura ganancia* (R. Marín); C.: *Compra en casa, vende en casa y faras casa* (Alberola).

[480] No texto: *sair* (XMSH); *de laceira* (XLFG). Moreiras recomenda pra facer boa feira, ou seña, sacar ventaxa, vender cando llo veñan buscar e mercar cando o ofrecen.

[481] Llópiz recólleo de E. Galloso (Monterroso).

[482] Llópiz recólleo na Ponte do Arcediano, onda Melide.

[483] Llópiz recólleo en Palas de Rei e explica que o consello se debe a que estará cheo de carrachas e moscas.

[484] *O parvo que non se quería por a mal con ningún* [cura] *respondeu: -Bó, bó, señor abade, en gando ruin non lle hai onde escoller* (VD:351).

[485] No texto: *hay* (UCA2); *ruin*, *que'escoller* (sic) que parece errata por *qu'escoller* (JASA); *ruin, qu'escoller* (JASA2); *ruin* (EAG). VS ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Em ruim gado não há que escolher* (Chaves), E.: *En ruín ganado, poco hay que escoger* (Correas).

[486] No texto: *ruin, hay, qu'escoller*. Véxase no capítulo 16. *A vaca na literatura* o poema anónimo *Ben dito* que conclúe con este refrán.

[487] Llópiz recólleo no Páramo onda Sarria.

[488] VS comenta que *se aplica figuradamente a personas o cosas que, siendo de mala calidad para el fin que se pretende, ninguna merece preferencia*, e engade as seguintes equivalencias: P.: *Gado ruim, não tem desvio* (Chaves), E.: *Entre ruín ganado, poco hay que escoger* (Sbarbi).

[489] Llópiz: *ai*; recólleo en Verín.

[490] Xavestre e Chaián, parroquias de Trazo.

[491] Llópiz di que o toma do *Rifoneiro minhoto* con lixeira corrección ortográfica. Ctel1 explícanos que o boi á noite parece máis voluminoso, *faise máis que é, luce máis do que é, faise moito máis representante* e a muller debidamente iluminada (*á lus da candeia*) tamén parece máis bonita. Tal lles pasa ós mozos que van buscar moza á discoteca. E nesas circunstancias non cómpre mercar nin casar porque pode un levar un bo calote, xa que facilmente nos darían gato por lebre.
Insisten neste mesmo consello outras cantigas, coma esta: *Non busques muller na feira /e menos na romaría; /busca as rapazas na casa/ vestidas de cada día* (LimiaB:109). Igual en Asturias: *El que quiera buena moza/ no la busque en romería;/ vaya a su casa a buscarla/ en ropa de cada día* (LimiaB:247).

Non merques a vaca sin dúas veces mirala. (Viana5)
O boi, dianteiro; a vaca, traseira. (Viana5)
O boi, por diante; a vaca, por detrás. (Viana5)
O que merca boi por vaca, ao bradar/bruar se desengana. (VLLM:1,148) [492]
O que merca boi por vaca, ao munxir se deprocata. (VLLM:1,148) [493]
O que merca boi por vaca, ao urro se desengana. (VLLM:1,148) [494]
Quen compra vacas en maio mantén todo o ano. (Antas4) [495]
Quen sabe de trato vende caro e merca barato. (VLLM:2,20)
Si queres facer feira boa, non merques do que te sobra. (VLLM:2,21) [496]
Todos foron á feira de Meira i train a corda baleira. (XBG:479)
Vaca leiteira e muller casadeira non se mercan na feira. (Carb-L:195)
Vaca leiteira e pita parideira non van á feira. (VS)
Vaca leiteira non vai á feira. (EGE:93)

O que compra vaca cega
pensando que sanará,
¡aínda os sans se volven cegos!,
e os cegos ¿qué farán? [497]

10.10. Consellos ó que vende

13586 **facerse de Angrois** *loc. v.* Facerse o desentendido [un vendedor]. Úsase nun refrán aplicado á feira: *O bon vendedor faise de Angrois*. (VLLM).

Alábate, boi, que a vender te levan (UCA2:39; VS) [498]
Loubate, boi, que che a vender levan. (VLLM:1,143) [499]
Vaca gabada, á feira con ela. (JASA:335) [500]
Vaca gabada, coela á feira. (VLLM:1,157) [501]
Boi que non vai á feira, non pode ter venda. (ERG:boi; VS) [502]
Boi que non vai á feira, ten mala venta. (VLLM:1,135) [503]
Boi que non vai ó mercado, nin é vendido nin comprado. (ERG:boi)
Boi que non vai ó mercado, non é vendido nin comprado. (VS)
Cando no inverno oíres tronar, vende os bois e bótao en pan. (NevesC)

---

[492] Llópiz recólleo no Val de Lemos.

[493] Llópiz explica que *deprocata* é decatarse e que *munxir* é tirarlle o leite a unha vaca, como é habitual, contra o que podían facer pensa-los refráns paralelos que no lugar de *munxir* teñen *bradar/bruar/urro*. Recólleo de E. Mayobre en Serantellos, preto de Ferrol.

[494] Llópiz recólleo de J.M. Bergantiños en Buño, preto de Carballo; explica que o *urro* é o berro dun bovino.

[495] O informante di que tal pasa porque as vacas en maio están moi cheas e despois baixan no prezo, e non se poden vender polo mesmo en todo o ano.

[496] Llópiz: *bóa*; trátase dun caso de teísmo recollido na comarca de Vigo.

[497] Camb1:50; Castre. Como non nos podía estrañar, este mesmo pensamento se aplica a outros animais: *Nunca compres cabra coxa que coxa xa se porá ela* (Gud5:89); *Non merques mula coxa pensando que vai sanar, nin cases con puta pensando que se vai enmendar* (XMSM:34); e mesmo á muller da nosa vida: *Arrimeime a unha coxa/ pensando que sanaba;/ si a sana se pon coxa,/ ¿qué fará a que coxa está?* (Gud5:69).

[498] No texto: *á vender* (UCA2). Zamora Mosquera dános este paralelo: *Alábate, cocho, que mañán te venden* (ZM:34), e Saco estoutro: *Alábate, mantelo, que á feira te levo*.

[499] Llópiz: *Lóubate, boi, que ch'a vender levan*, e di que o recolle de Carré Aldao na rev. *A Nosa Terra* (1908), quen, como vemos, realmente dá unha forma distinta na edición do 19.5.1908.

[500] JASA: *â feira, co'ela.*

[501] Llópiz explica que hai que aproveita-lo momento de maior aprecio para vendela ó maior prezo; recólleo de Xaquín Lorenzo *(Refranes de Lobeira*).

[502] Saco ofrece este equivalente castelán: *Buey que no está en la feria, no tiene venta* (Correas).

[503] Llópiz comenta: *Este refrán aparece en diversos refraneros, aplicado al 'faco', al 'porco' y a la 'ovella ou carneiro'. El traficante de ganado, en las ferias de Galicia, es muy desconfiado lo mismo que el campesino comprador o vendedor y solo se determinan, despues de un complicado contraste y examen de las reses. No ocurre lo propio con las vacas muy lecheras, que como el buen paño en el arca se vende, aquellas se pueden vender en la misma 'corte', pues su 'sona' ha transcendido por 'todos-os eiros'. Así dice el refrán... 'A vaca de boa teta véndese na estreveira'.*

Cando no inverno vires tronar, vende os bois e bótao en pan. (ERG:inverno/tronar) [504]
Cando o ano entra en domingo, vende os boiciños e merca milliño. (XMSH:29) [505]
Compra na casa e vende na feira. (PdM:29; JASA3:219; UCA2:29; ZM:67; VS) [506]
Compra na feira e vende na casa. (XTC4)
Mercar, na feira; e vender, na praza. (ERG:feira)
Vende na casa e merca na feira se queres saír da laceira. (XLFG; XMSH:72) [507]
Máis val agardar que baratar. (VLLM:2,23) [508]
Maula mercada, maula empurrada. (VLLM:2,10) [509]
O que maula vendera, xa fixo boa feira. (VLLM:2,10) [510]
O que se safa da maula, boa feira fai. (VLLM:2,10) [511]
O que se safa da maula, xa fixo boa feira. (VLLM:2,10) [512]
Muller de Xavestre e boi de Chaián, compralo hoxe e vendelo mañán. (NevesC) [513]
Na feira todo se vende, cada cousa no seu precio. (XLF2:43; Ctel10)
¿Por que na feira non queda nada? Porque cada un merca o que lle agrada. (VLLM:2,19) [514]
Porque van á feira os parvos, véndese o torto e o malo. (VLLM:2,21) [515]
Si os toleimos non foran á feira, o malo non se vendera. (VLLM:2,22) [516]
Navidá en viernes, sementa onde poideres; Navidá en domingo, vende os bois e bótao en trigo. (ERG:navidá)
O boi que non garda o rego, engordalo e vendelo. (VS)
O bon vendedor faise de Angrois. (VLLM:2,20) [517]
O que becerros non vende e vacas non ten, a ver donde lle vén. (Carte.) [518]
O que becerros non vende e vacas non ten, dalgures lle vén. (Carte.)
O que vacas non ten e vende xatiños, de algures lle ven. (VLLM:1,149) [519]
O que vende becerros e vacas non ten, é que dalgún lado lle vén. (Gud5:108)
Quen vende xatiños e vacas non ten, de algures lle ven. (VLLM:1,149) [520]
Si tes gado e non prau, unha vaca e moito leite, non che estrañe que mal pense. (VS)

---

[504] ERG: *en inverno* s.v. *inverno*; *no inverno* s.v. *tronar*.

[505] Remitímo-lo lector a máis variantes deste refrán no capítulo 12. *Crenzas e calendario gandeiro.*

[506] Saco ofrece os seguintes equivalentes: P.: *Comprar em feira, vender em casa* (Chaves); E.: *Compra en tu casa y vende en la plaza* (R. Marín), *Compra en tu casa, vende en tu casa y harás casa* (R. Marín), *Compra en la plaza, y vende en tu casa* (Correas), *Comprar en feria y vender en casa, segura ganancia* (R. Marín); C.: *Compra en casa, vende en casa y faras casa* (Alberola).

[507] No texto: *sair* (XMSH); *de laceira* (XLFG). Moreiras recomenda *pra facer boa feira, ou seña, sacar ventaxa, vender cando llo veñan buscar e mercar cando o ofrecen* (XMSH:177).

[508] Llópiz: *Mais*; recólleo en Vigo.

[509] Recólleo no Ferrol.

[510] Recólleo en Verín.

[511] Recólleo en Verín.

[512] Recólleo en Verín.

[513] Xavestre e Chaián, parroquias de Trazo.

[514] Recólleo en Pontevedra.

[515] Llópiz: *â*, *tórto*; recólleo en Viveiro.

[516] Llópiz: *â*. Explica que *toleimo* é un necio.

[517] Llópiz: *d'Angrois*. Angrois é lugar da parroquia do Sar en Santiago de Compostela, que cae do lado dalá do monte do Castiñeiriño e que na cidade é o prototipo do aldeanismo, con tódalas súas características boas e malas. Eladio Rodríguez recolle entre outros os seguintes ditos que fan referencia á sona dos seus habitantes: *¿Coidas que son de Angrois?* para advertir que non se vai deixar enganar; *Parece que ves de Angrois*, que se lle di ó que non se entera de algo ou parece parvo.

[518] Porque *ou rouba ou...* Os paralelos fan pensar que aquí sobra o primeiro *non*, pero as dúas variantes de Pilar Guerra (Carte.) din claramente que nin vende nin ten. Trátase, polo tanto, dunha variante firme que transmite un pensamento distinto do que expresa a forma máis coñecida deste refrán.

[519] Llópiz: *d'algures*; deixamos *ven* sen acentuar porque, se cadra, trátase dun plural arcaico; Llópiz recólleo de L. Páramo (Sarria). Na explicación cita unha palabra que só aquí rexistramos: *Latarengos*, ladróns de gando (cast. *cuatreros*) e engade *que antiguamente invadían las ferias de ganado*.

[520] Llópiz: *Que vende ...* (sic) que corriximos por ser errata evidente; recólleo de Carré Aldao. Véxanse os seguintes paralelos: *O que come cabrito e cabra non ten, d'algures lle ven* (ANV1:77); *O que come cabrito e cabra non tén, ¿de ónde lle ven?* (ZM:173); *O que cabirto come e cabra non ten, de algures lle ven* (XLF2:51); *Quen vende cabirtos e cabras non ten ¿dónde lle ven?* (ERQ2:29). En Portugal din o mesmo con: *Miguel, Miguel, nâo tes abelhas e mais vendes mel*. Véxanse tamén estes: *Sacristán que vende a cera e non ten colmear, ¿de onde lle sairá?* (XLF2:63); *Sagristán que vende cera e non ten colmenar, pouco durarán as veliñas do altar* (ZM:219).

O que fala mal dunha vaca, é o que a quer mercar. (Viana5) [521]
Quen comenza a desdeñar, ese quer mercar. (XAM2:10) [522]
Quen desdena quer mercar. (VLLM:2,20) [523]
Ó que non ten qué vender fólgalle a feira. (VLLM:2,16) [524]
O que vende por baixo do que mercou seique mal lle foi. (VLLM:2,18) [525]
Quen á feira chega cedo, vende o seu e mailo alleo. (MVN2:102) [526]
Se queres facer bo trato, vende caro o que merques barato. (ERG:trato)
Paso de boi, dente de lobo e, de vez en cando, facer o bobo. (VS; XMSH:74) [527]
Paso de boi, dente de lobo e de vez en cando faise o tolo. (LCA3; APG:256) [528]
Pisada de boi, dente de lobo e facer moito, moito o bobo. (XTC4) [529]
Vaca barrigona e ovella corna nin a des nin a troques por outra. (VLLM:1,154) [530]
Vaca boxuda e ovella cornuda non a troques por ningunha. (VLLM:1,154) [531]
Vaca panzona, non a troques por outra. (VLLM:1,154) [532]
Vaca panzuda, non a troques por ningunha. (VLLM:1,154) [533]
Vendeu por malo i empolgou nun fino. (VLLM:2,23) [534]
Venta mala, conta furada. (VLLM:2,23) [535]
Venta ao contado, diñeiro gardo; venta a fianza, diñeiro á balanza. (VLLM:2,23) [536]

10.11. Negocio e amizade

Amigos, amiguiños, pro a vaquiña no que vale. (XTC4)
Amigos coma sempre, pero a vaca polo que vale. (TCha:84; VS)
Amigos de cerca ou lonxe e as contas polo seu, amistades as que se queiran pero a vaquiña polo que vale. (Lal4) [537]
Amigos de cerca ou lonxe, e as contas sempre de preto, amistade a que se queira, pero a vaca no seu precio. (VS) [538]
Amigos, si, pero a vaca polo que vale. (VS)
Amiguiños, amiguiños, mais a vaca polos seus cartiños. (XLF2:17)
Amiguiños, amiguiños, pero a vaquiña polo que vale. (Gud5:87)

---

[521] No texto: *quêr*.

[522] Variante: *O que fala mal da egua é o que a leva* (ZM:176).

[523] Recólleo de V. Risco.

[524] Llópiz: *O que;* recólleo en Chantada.

[525] Explica a locución *seique* como *sin duda*, recólleo en Pontevedra.

[526] No texto: *Quén, mai-l-o, alléo.*

[527] Saco comenta que *se pone en boca de procuradores y demás adláteres de la Curia*. Tamén Moreiras o aconsella entre procuradores.

[528] Leandro Carré explica que o que se aconsella en *paso de boi* é calma; en *dente de lobo*, ter decisión rápida para aproveitar unha oportunidade, e que en *faise o tolo* recoméndase astucia e sagacidade. Consello que soborda na súa utilidade o reducido mundo da feira e ten aplicación a moitos campos da vida empresarial e política. Tamén para os *avogados das silveiras*: *O bo preiteante, dixo Tomé: boca pechada, bulsa aberta e listo de pé* (XMSH:74: *faltriqueira*; UCA2:49: *bon, cerrada*; ZM:163: *bon, bolsa*).
Iribarren (JMI) recolle a versión castelá deste refrán: *Paso de buey, diente de lobo y hacerse el bobo,* ó que engade estoutra variante: *Paso corto, vista larga, paciencia y mala intención, que ¡ya te llegará la ocasión!*. Tamén cita de Fernán Caballero as tres regras capitais da gramática parda: *Ver venir, dejarse ir y tenerse allá* (JMI:344).
APG recólleo como adiviña, e dá como solución o tratante, naturalmente.

[529] Taboada Chivite explícao como consello que dan os pais ós fillos que emigran.

[530] Llópiz: *dés*; explica que a primeira é boa nai e boa leiteira e a segunda dá boa la e é resistente ós cambios atmosféricos.

[531] Llópiz non explica que é *vaca boxuda*, pero debe de ser vaca panzuda polas variantes que ten este refrán. Di que o recolle en Sarria (L. Páramo), no *Falar de Lobeira* e en Xinzo, de Urbano Santana na rev. *Nós*. O caso é que nós non encontramos este refrán en ningún dos tres nn. 89, 90, 93 en que este último escribe do folclore de Sandiás.

[532] Llópiz recóllea de Xaquín Lorenzo (*Refranes de Lobeira*).

[533] Recólleo de U. Santana en Xinzo.

[534] Llópiz: *i-empolgou n-un* expresión que, di el, significa *acertar na adquisición dunha res*; recolleuno en Sadrarín (Ribeira de Piquín, Lugo).

[535] Llópiz explica que *conta furada* significa *producto insignificante*. Recólleo en Ordes.

[536] Llópiz: *â balanza*; recólleo en Ourense.

[537] Explica o noso informante que as vendas se deben facer polo que valen á marxe da amizade. VS ofrece este refrán (e mailo seguinte) cunha estrutura de catro membros pero sospeitamos que se trata de dous refráns bimembres e sinónimos.

[538] No texto: *i-a*.

Amiguiños, canto queiras, mais o xato polo seu valor. (VLLM:1,127) [539]
Amiguiños, coma sempre, pero a vaca nos trinta reás. (TCha:84)
Amiguiños, moi amiguiños pero a vaquiña polo que costa. (Tui2)
Amiguiños, sempre, pero a vaca polo que vale. (XMSH:92; XAM2:26) [540]
Amiguiños si, mais a vaca polo que val. (VLLM:1,127) [541]
Amiguiños si, mais a vaquiña polo linde. (Gro5) [542]
Amiguiños si, mais a vaquiña polo que val. (Par2)
Amiguiños si, pero a cuxa polo que vale. (ZM:35) [543]
Amiguiños si, pero a vaca polo que vale. (XMSH:163; VS) [544]
Amiguiños si, pero a vaca polo que valera. (UCA2:23; EAG:8) [545]
Amiguiños si, pero a vaca polo que valla. (ZM:35) [546]
Amiguiños si, pero a vaquiña polo que vale. (Camb1:47; Castre.; Lourei2; Curro; Chandre.; Baiona3; Laza2; SCD:9; ST:64) [547]
Amiguiños si, pro a vaquiña polo que valla. (XTC4) [548]
Amiguiños si, pero o xato polo que val. (VLLM:1,127) [549]
Moi amiguiños, moi bos compadres, si, pero a vaquiña polo que vale. (XTC4) [550]
¡Si! ... pero a vaquiña polo que val. (ZM:229) [551]
A escote, anque sea un boi. (ERG:escote; VS) [552]
A escote, un boi. (UCA2:22; VS)
En mercar e vender non hai amigo. (VLLM:2,3)

Dos Ancares [553] recollemos este fragmento:

-Ia córtam'as canas do manzaeiro tamén, que'm vein pra'l meu.

-Xa chias cortéi anoite.

-Porqu'eu as mias xa vai úa temporada qu'as cortéi; non teño ganas de que veñas apañá'l meu prau, nin d'ir apañá'l tou tampouco. Irméus somos, pero cad'un coma'l d'él.

- Como dice o galego: a vaquiña pro'l que vale e cad'un al xorno, ¿verdá?

- Sí home.

- Dice'l rofrán: "amiguiños, sí, pero a vaquiña pro'l que vale".

Mantencia enteira [554]

Encontráronse unha vez dous compadres, e antes de despedirse, un deles invitou [555] ao outro con moita insistencia para que lle fora un día pola casa. Así llo prometeu o segundo compadre, i on día de inverno apareceu pola casa do compadre.

---

[539] Llópiz: *queras*, *pol-o*; e di que o recolle de M. Saavedra de Santiago.

[540] No texto: *val* (XAM2).

[541] Llópiz: *pol-o*; e di que o recolle de E. Carré Aldao. Como vemos a seguir, o que nós atopamos deste colector non coincide co que nos dá Llópiz.

[542] Variante: *Amigos, amigos, pero a burra á linde* (LT2:69).

[543] No texto: *sí* (ZM).

[544] XMSH: *sí*. VS: *Amighiños*. Variante: *Amigos si, pero a cada un o seu* (LT2:69).

[545] No texto: *sí, pol-o* (UCA2): *pol-o que valere* (EAG).

[546] No texto: *sí* (ZM).

[547] Díselle á persoa que, por moi amiga que sexa, ten que pagar igual o que lle corresponde. Outros interpretan este refrán como advertencia a quen intenta abusar de nós ou da nosa confianza. ST: *-Manolo é amigo meu...-Manolo é hostias, se se enteira nin amigo nin nada, amiguiños si pero a vaquiña polo que vale, veña, fágoche precio...* No texto: *amighiños* (Curro); *sí* (Baiona3); *pro* (Laza).

[548] XTC4: *sí, valga*.

[549] Llópiz: *pol-o*; e di que o recolle de M. Saavedra de Santiago.

[550] No texto: *bós, sí*.

[551] No texto: *Sí* (ZM).

[552] VS comenta: *Porque a escote, nada é caro*. E cita o castelán de R. Marín *Entre muchos, a poco se cabe*.

[553] Ancares2:264.

[554] FINGOI: 169.

[555] No texto: *invitóu*. Aquí e nos casos sucesivos retirámo-lo til que o autor utiliza nos ditongos tónicos e que reproducimos nesta nota por orde de aparición: *invitóu*, *prometéu*, *aparecéu*, *Mandóuno*, *sentóuse*, *contestóu*, *marchóuse*, *pasóu*, *compréi*, *quedóu*, *enseñóulle*, *demáis*, *despois mandóuno*, *sentóuno*, *comprendéu*, *levantóuse*, *miróu*, *penséi*, *viréi*.

Mandouno pasar prá cociña, sentouse nun escano, fixo un bo lume diante del, puxéronse a falar de moitas cousas e, cando veu o compadre da casa que o lume quentaba ben, díxolle ao outro:

- *Compadre, esta é media mantencia*.

- *Éo* –contestou o segundo, separando un pouco as pernas do lume.

Seguiron falando un bon pedazo, i o segundo compadre, vendo que non lle ofrecían a merenda e que xa logo era noite, despediuse [556] e marchouse pra casa, pensando como [557] cobrarlla ao compadre.

Pasou algún tempo i on día volvéronse a encontrar. O segundo compadre, disimulando como puido, púxose moi contento e dixo:

- *Home, xa tiña ganas de encontrarte, pois comprei a feira pasada unha xovenca moi bonita e quería eu que* [558] *a viras. Mira, o domingo pola tarde espérote na casa*.

Quedou o primeiro compadre de irlle a ver a xovenca i, efeutivamente, o domingo foi á casa do compadre. Este enseñoulle a becerra i o demais ganado, e despois mandouno pasar prá cociña, sentouno nun banco e fixolle un bon lume por diante e outro por tras. Cando os dous lumes estuveron ben encendidos, dixo o da casa:

- *Compadre, esta é mantencia enteira.*

O outro compadre ben o comprendeu e, disimulando como puido, dixo que xa quentaba algo de máis, levantouse, mirou o reló e, facendo como que lle era tarde, dixo:

- *¡Oi, non pensei que era tan tarde! Téñome que ir, xa virei por aí outro día con máis calma*.

I, agarrando o montante, salíu máis zurrado que se puxeran lume no rabo.

10.12. Exportación de gando galego

10.12.1. Exportación de gando galego a outras partes de España

10.12.1.1. Filipe II quixo repoboa-lo reino de Granada con gando galego

Filipe II quixo repoboar de gando galego o reino de Granada en 1571. E requeriu, supoñemos que entre outras, a provincia de Santiago (que daquela ocupaba unha superficie de 242 leguas cuadradas e estaba formada por 121 xurisdicións). O Concello de Santiago, a consulta da Real Audiencia, respondeu que levar bois a Granada, como pedía o rei, era inviable por seren animais lentos de máis para tan longa viaxe e por precisaren pacer moito e non haber no camiño herba para eles: a maior parte morrerían no camiño e, de levalos, faltarían aquí para a labranza e provocaría unha alza do prezo, co que a provincia recibiría un gran detrimento. Algo semellante di das ovellas e cabras e só considera viable o envío de mulas pero parécelle inviable facelo por mar; e por terra a única data viable, para que non morresen co frío ou coa sede, sería que saísen o primeiro de abril para chegaren a Granada por san Xoán (50 días). Pérez Costanti, que ofrece estes datos, supón que a tal exportación nunca se fixo (PPC:83-84).

10.12.1.2. Primeiras exportacións de gando galego a Madrid

O manuscrito de Clemente Fernández González que reproduciremos na epígrafe seguinte manifesta a conciencia de se-lo primeiro que leva gando galego a vender a Madrid e afirma que *En aquella epoca* [1883] *se consumía poca ternera en Madrid y la que se consumia hera de Castilla y probincias prosimas donde llegava el ferrocarril.* Iso fixonos pensar que a exportación de gando galego a Madrid empezara nese ano. Pero Carmona Badía (CARMONA2: 326.n 71) ofrece unha data anterior baseándose nunha carta anónima remitida de Santiago a *La Nación* de Madrid (14.06.1853).

[556] No texto: *despedíuse.*
[557] No texto: *cómo*.
[558] No texto: *qui* (sic).

Creerá nadie, que el país donde se cría el ganado que abastece el mercado de Madrid, se pague la libra de carne de vaca a 11 cuartos. Seguramente parecerá paradoja, pero es exacto, es cierto, y lo es también que comen carne las clases acomodadas y las otras que forman la mayor parte de los habitantes de Galicia viven con legumbres y poco, muy poco pan.

Este texto, ademais de certifica-la exportación de gando a Madrid en 1853, ofrece un matiz dramático: esta exportación, máis que fartura en Galicia, indica privación e austeridade, porque os galegos non venden o que lles sobra senón aquilo do que se privan.

Como vimos en 9.1.2. Sarmiento (FMS6:14,9v,1531) testemuña xa no século XVIII a demanda da carne galega en Castela:

Me he detenido en el ganado vacuno porque es el que sirve de fundamento para el tal cual comercio que hay en Galicia, dentro del reino, con Castilla y con las naves que aportan a sus costas pidiendo carnes frescas, saladas o en cecina, y que pagan más que medianamente. Por esta razón, se debe multiplicar el ganado vacuno, que siempre tendrá salida o por mar o por tierra.

O prof. Carmona Badía [559] amplíanos esas datas, asegurándonos que xa se levaba gando galego a Madrid moito antes:

Efectivamente, a mediados do XIX, vendíase carne galega en Madrid. E dous séculos antes, tamén. O gado ía sobre o seu propio pé, unhas cinco ou dez mil cabezas, mesmo máis en ocasións.

Pero gando vacún xa se exportaba en cantidade a Castela no século XVII segundo consta por unha *Descripción del Reino de Galicia* (*1647*) que descubriu e editou Filgueira Valverde:

Ganado bacuno nadie ignora que de Galicia se probehen las más carnizerias de Castilla, sacándose cada año, según dicen, 60 mil cabezas de la Limia (JFV:148).

10.12.1.3. Así debeu de nace-la denominación de orixe da tenreira galega: *becerras con zapatos de sola*

Debemos a Valentín Arias López o acceso a un manuscrito de excepcional valor histórico. Trátase dun manuscrito no que Clemente Fernández González, de Ortoá (Sarria) narra non só o inicio da súa actividade comercial, que foi inicialmente gandeira, senón o que el considera que é o inicio da presenza de gando galego no mercado de Madrid, que el data en 1883. Este Clemente dá mostras na súa biografía dun excepcional talento para os negocios que herdaría o seu sobriño neto Antonio Fernández López, creador de Cementos Oural, Pescanova, Zeltia e Ici-Farma, entre outras empresas.

Téñase en conta que Clemente Fernández se refire exclusivamente ó mercado madrileño, non ós mercados casteláns en xeral, nos que, como acabamos de ver, o gando vacún galego xa estaba presente polo menos dende o século XVII. Mesmo é probable que, en tempos houbera alí carne galega e que ese mercado estivese interrompido no tempo no que el decidiu re-inicialo.

Reproducímolo conservando a grafía orixinal e inserindo unicamente unha puntuación da que o manuscrito carece case totalmente e regularizando o uso de maiúsculas.

En una aldea de Galicia, parroquia de Santa Mª de Ortoá, y en la casa llamada de Barreiros a 6 kilometros del ayuntamiento de Sarria, provincia de Lugo, nacio el que suscribe el día 20 de Diciembre de 1857. Sus padres Manuel Fernandez y Mª Manuela Gonzalez, labradores de modesta posicion, que si bien cultivaban bastante estension de terreno hera y es poco produtivo; unido esto a ser vastante familia, hera poco desaogada la situacion; unido esto a la falta de medios de instrucion, toda vez que para dos o mas parroquias habia un aldeano que por una modesta asignacion en especia nos dava leciones de 1ª enseñanza (instrucion 1ª) algunos meses del año; de estos pocos meses, muchos tenia que atender al pastore[o] de ganado. Cuando tenía 12 años, ya pensava que allí no podia estar, porque nunca podria ver mas que lo que veía todos los días, lo que me alcanzaba la vista y esta hera mi costante pesadilla; y en esta preocupacion sin poderla borrar de mi pensamiento, llegue a los 16 años; prosimo a cumplir estos, le dije a mi padre que mi porvenir no estava alli donde abia nacido; y que hera necesario me diera otra orientacion y en efecto en aquellos dias tenía mi padre que trasladarse a Madrid donde

[559] Comunicación persoal, 9.02.2009.

lo hacia todos los años para visitar algunos amigos de aquellas aldeas llebandoles encargos de carnabal de sus familiares y de paso dar venta algunas mercanzias que comprava, que heran jamones tocino longaniza huebos ectra ectra. Estas mercadería[s] ivan en un carro, unico medio de trasporte hasta Medina del Campo, donde llegava el ferrocarril y los dos ivamos en el carro unos rratos y otros andando. Tardamos, si mal no rrecuerdo, doce dias al rreferido Medina. Alli tomamos el tren y el carro continuo asta Madrid; donde me quede con un hermano de madre de mi padre; este tenia una modesta carneceria en la calle de Jacometrezo Nº3; como su situacion hera mediana, no podia tenerme. Busque hio mismo colocacion inclinandome a carniceria que hera lo primero que vi y no me disgustava; estube en varia[s] casas y en aquella epoca se ganaba poco y enseñaban tambien muy poco dedicandome al servicio de limpieza reparto y rrecados. Asi estube cuatro años; trascurridos estos, me estableci en un puesto en la puerta de una tienda; asi estuve unos tres años y como todo hera pequeño apenas sacava para bibir y haciendo muchas economias me defendía pero nada mas y decidi marchar de nuevo a Galicia, alli puse un puesto de carne y solamente ganaba para vibir asi las cosas conoci a un mucha[cho] de una aldea prosima lla[ma]do Pedro Rodríguez de acuerdo con este y un hermano mio llamado Jose nos decidimos marchar a Lugo y presentarnos al unico vaquero señor Soler. Este señor nos recibio muy bien, le propusimos que nos facili[ta]se dinero para comprar ganado para Madrid en letras y estas las hariamos efectivas una vez reali[za]ra las ventas y los cobros. Sin duda nuestra decision le fue simpatica que despues de varias preguntas de informacion acepto nuestra proposicion. Esto ocurrio a principios del año 1883, los primeros vagones los llebo a Madrid mi hermano Pepe. Tropezo con algunas dificultades primero porque abia que conducirlo por tierra hasta Toral de los Vados y, como empezamos por terneras, estas se cansavan mucho; las comprabamos en las ferias prosimas a Lugo y asta ponerlas en el tren tardavamos 4 o 5 dias, las jornadas tenian que ser muy cortas y todas llegavan muy cojas y se nos ocurrio hacerles unos zapatitos de suela; esto nos dio buen rresultado. Haciamos las jornadas mayores ebitando rresultasen menos cojas, como digo. La facturacion se efectuava en Toral de los Vados: metiamos en cada vagon de 36 a 42 según el tamaño, tardan[do], lo general, 3 días esta mercancía en llegar a Madrid. Llegava este ganado en vastante mal estado pero a los 3, o, 4 días estava muy rrepuesto procediendo a su venta. En aquella epoca se consumía poca ternera en Madrid y la que se consumia hera de Castilla y probincias prosimas donde llegava el ferrocarril y estaban al frente de este negocio negociantes y e intermediarios poco rrecomendables y a los pocos meses de Mandar terneras a Madrid hemos combenido los 3 Socios que hio fuese el encargado de las ventas en Madrid Alli me traslade dandome tan buena maña que a los pocos meses me hice el amo del Mercado. Tenía en fabor mío que en aquella epoca se compraba muy barato y, anparado en esto, empeze mandando terneras grandes a bender por los pueblos de la probincia de Madrid, Toledo Guadalajara, Murcia. Incluso en Madrid fomente la venta de manera considerable, dandose el caso de vender de 40 a 60 vagones mensuales. Cuando tenia este nogocio de terneras bien organizado y lo dominava bien, empezamos a comprar bueyes y vacas vendiendo muchas vacas para los pueblos con resultado bastante satisfatorio; y de lo mas inferior y el rresto para el Matadero de Madrid. Todo esto ocurria el 84 y parte del 85. En los ultimos meses del 85 empece a matar algunas vacas, muy pocas, haciendo mas bien ensayos pero poco a poco organice una matanza rregular, notando que, para seguir matando vacas, hera indispensable industrializar los caydos o sea cueros y despojos, que, si bien en la carne se ga[na]ba poco o nada, lo demas dejaba una utilidad aceptable. Empeze con los despojos y fundicion del sebo; a los dos años pude secar los cueros delo poco que matava y cada año aumentava un poco trabajando mucho y gastando muy poco. El año 89 me quede en subasta con el suministro de la carne a las casas de Beneficienza en la crencia de que me pagarian con puntualidad pero tropeze con que el que les benia suministrando hera D Pedro Rodriguez, hombre de posicion desaogada y gran amistad con el Señor España, presidente dela diputacion, y del Interbentor, Señor Corrales, con los que influio grandemente para que no me pagasen y lo consiguio, que de los 12 meses del año solamente cobre uno; cuantos malos rratos pase, no quiero acordarme: la cuenta subio a una cantidad entonces muy superior a mis fuerzas que escedía de 300.000 pesetas las que pasaron arresultas y cobre andando el tiempo en papel Municipal; este papel entonces tubo una depreciacion del 30, 40, y llego hasta el 50 por 100. Hio, gracias a mis buenos amigos, me rresisti hasta su amortizacion y [conservé?] el suministro a las casas de Beneficiencia, unos años todas otros años parte, hasta el año 1934 si bien los 8, o, 10 años ultimos a nombre de mi hijo Tomas por haberme desentendido hio del abasto y se dejaron perder por no haberme abisado a su debido tiempo que si esto no sucede estaria suministrando hasta hoy probablemente. Desde el año 1890 a 1920 fueron los años de mas atividad en vacas mataba de 30 a 40 terneras de 20 a 80 según la epoca corderos de 80 a 100, menos en los años que señalo, trabaje no solamente los míos sino los muchos que compraba; en pieles de ternera tambien hize buenas operaciones hasta 1920, o, 22, luego le cedi este negocio a Tomas con una cantidad rrespectable en cuentas corrien[tes] y en 1933 me hice cargo nuebamente de cueros pieles y sebo en menor escala pero llevandolo vastante bien, hasta Julio 1936 que estallo la rrebolucion. Hia dire lo que paso cuando termine esta guerra que es la mas cruel que rregistra la Istoria del Mundo.

10.12.2. Exportación de gando galego a Inglaterra e a Portugal

A exportación de gando galego a Inglaterra foi importante no século XIX: máis de medio millón de vacas (exactamente 519.162) entre 1842 e 1897 cun máximo de 33.383 reses en 1892. Tamén está controlada unha exportación a Portugal entre 1862 e 1887 de máis de 300.000 reses (exactamente 332.127), das que unha parte acababan reexportadas tamén a Inglaterra (CARMONA2:310-315) [560]. Para que se entenda o que isto significa no conxunto de España, téñase en conta que nos dezaoito anos que van de 1868 a 1886 Galicia exporta unha media anual de 35.858 reses, e isto representa o 76,7% das exportacións de gando vacún de toda España a calquera país. E entre 1871-1880 Galicia vende a Inglaterra máis ca todo Portugal. O gando que se exportaba era boi feito e cebado de 3 a 6 anos. Como daquela carecía Galicia de vías de comunicación e de transportes, o gando procedía maiormente das zonas próximas ós portos de embarque (A Coruña e Vigo e, en menor medida, Carril e Marín) sendo os maiores exportadores Eduardo Santos e Vda. de Couceiro na Coruña e Manuel Bárcena e Vda. de Llera en Vigo.

Estas exportacións a Inglaterra viñeron favorecidas pola aparición da peste bovina, coñecida como *rinderpest*, que afectou en 1865 o gando vacún de Europa Central, de onde se fornecía Inglaterra, e que acabou contaxiando tamén o gando inglés.

Pero todo este proceso de exportación estaba en mans inglesas: dende a compra das reses nos portos, ata o transporte, seguros, revenda en Inglaterra etc. Galicia e o Norte de Portugal formaron nesa época un entramado comercial no que se mesturaban empresas con capital mixto galego e portugués (como é o caso de Llera).

> *Esta exportación a Inglaterra rematou bruscamente en 1897 por unha presunta epizootia en Galicia, segundo a explicación que deron os ingleses. A verdadeira razón foi que entrou nese mercado a competencia norteamericana, ofrecendo gando vivo e, sobre todo, carne xa conxelada* (CARMONA2: 332).

Pero aínda habería unha pequena reactivación posterior no primeiro terzo do século XX.

> *Además, con carácter transitorio, Galicia exporta ganado vacuno para Portugal, para Inglaterra, a veces; y para Francia, pese a nuestra oficial y extraoficial neutralidad, como que ganado gallego lo han comido en las trincheras los aliados, o cuando menos, se han comido en Francia* (FCR:24).

Galicia reaccionou impulsando o xa iniciado comercio cos mercados de Madrid e de Barcelona

> *Si todo esto no fuera cierto, o el ganado no se sometiera más que al sistema de pastoreo y no tuviese buen establo y viviera al cielo raso, cual sucede en otras partes, entonces jamás viera usted ese ganado gordo y lustroso, abundante y hoy tan carito en nuestra tierra; ni fuera posible que a veces abasteciera los mercados propios y los de Barcelona, Zaragoza, Madrid, etc., y salieran de Galicia, con tal fin por ejemplo, (en los seis años de 1907 a 1912), 130.390 vacas y bueyes, 460.448 terneros y terneras, como así resulta de la estadística que publicó el Ministerio de Fomento, (o la Dirección General de Agricultura) en 1918, con los datos suministrados por los Inspectores Provinciales de Higiene y Sanidad Pecuarias* (FCR:17).

10.12.2.1. *Traballar para o inglés*

O historiador Barreiro Fernández analizando esta intensa exportación de gando vacún a Inglaterra di que, estando nas mans dos ingleses tanto o transporte, coma os seguros e a operación de venda, eles quedaban coa maior parte do beneficio da exportación e di que probablemente aí naceu a locución *traballar para o inglés* co significado de "traballar para que outro leve todo o proveito".

Puido ser que o uso da locución se reactivase pero non debeu de nacer aí, porque tamén no País Vasco se coñece a expresión e Joaquín Leguina, importante membro do PSOE e presidente da Comunidade de Madrid entre 1983 e 1995, pero orixinario de Guarnizo (Cantabria) di que alí tamén se usa.

> *En mi pueblo, por ejemplo, que tiene minas de hierro, se utiliza la expresión "trabajar para el inglés" y ya nadie recuerda por qué, y es que los ingleses eran los dueños de la mina* [561].

[560] Precisamente nese 1887 a Sociedad Económica de Amigos del País xa publica en Santiago un informe verbo da crise do gando vacún en Galicia (An13b).

[561] http://www.furiaroja.com/entrevistaleguina.htm.

Hai máis. A expresión xa se documenta polo menos antes de mediados do século XIX: úsaa Cirilo Villaverde na súa obra *Cecilia Valdés o La loma del Ángel* (de 1853):

> *Nemesia entró en su cuarto repitiendo cual si hablara con otro: -¡Como que yo me mamo el dedo! No siempre había de 'trabajar para el inglés'. Si no ha de ser para mí, que no sea para ella tampoco. Él es muy enamorado y le gustan mucho las pardas.*

O silencio documental dos séculos escuros impídenos dispoñer de textos galegos anteriores pero parécenos que é posible que a locución nacese catro séculos antes, porque a mediados do século XV Galicia viviu unha operación exportadora a Inglaterra que tamén deixaba en mans inglesas tódalas plusvalías. Trátase da exportación do viño do Ribeiro, que os ingleses iniciaron trala conquista de Ribadavia polo Duque de Lancaster a mediados do século XV e que controlaron plenamente, levándoo a todo o Norte da península ibérica e a tódalas cortes europeas, facendo del un dos viños máis prezados e caros de Europa. Polo visto, os comerciantes ingleses non só mercaban en Ribadavia senón que percorrían as parroquias do Ribeiro na procura de máis viño. Parece que tamén daquela tiñan o control exclusivo de todo o proceso comercial e isto permitíalles impoñer un prezo en orixe que ben puido dar orixe á expresión *traballar pró inglés*.

10.12.3. Problemas de exportar gando vivo nos comezos do século XX

A emigración galega en América foi moi sensible á rutina do transporte de gando nun momento crucial do mercado e escribiu nos seus periódicos para provocar un cambio de mentalidade e de organización comercial. A pesar de que o transporte por tren veu mellorar moito esta exportación pedestre, Galicia seguía perdendo mercado. A revista arxentina *El Eco de Galicia*, como vimos en 6.1.11., xa informaba en 1893 de que nos Estados Unidos non se transportaba o gando vivo senón a carne conxelada, de xeito que un vagón levaba a carne de 30 bois de primeira clase en distancias similares ás que separan Galicia de Barcelona, a onde Galicia, como a Madrid, seguía mandando o seu gando vivo. Non se estaba incorporando a experiencia norteamericana do transporte frigorífico da carne, nin se estaba aprendendo da experiencia de ter perdido o mercado inglés precisamente pola competencia da carne conxelada norteamericana. En 1900 a revista cubana *Follas Novas* denunciaba que o traslado de gando vivo seguía sendo o único e informaba de que os galegos da Habana se queixaran formalmente ó ministro español de Agricultura y Obras Públicas de que as condicións de transporte de gando galego eran pésimas chegando a Barcelona as reses tarde e un 50% mortas por asfixia (FN:169, 26.08.1900, 3).

Aínda en 1914 Rof Codina ten que lamentar que en cada vagón que sae de Galicia vaian 18 bois ou 22 vacas ou 44 becerros, todos vivos e en tales condicións que cada res adulta perda nesta viaxe unha media de 50 kg de peso e cada animal novo 15. Cita mesmo casos coma o de cinco de vacas que en Seavia (Coristanco) pesaran 1.594 kg e en Madrid só chegaron a pesar 1.362, é dicir, perderon 232 kg; ou de oito bois e un touro que en Seavia pesaran 4.638 kg e en Madrid só 3.795, é dicir, 843 kg de perda.

A perda de peso no transporte de carne conxelada era nulo pero Galicia non tivo acceso a esa regalía ata que apareceron os matadoiros frigoríficos, o primeiro deles no Porriño en 1928 (JRC:359-361). E téñase presente que non xoga aquí a perda de calidade e de peso senón tamén o antieconómico que resulta transportar partes do animal que non teñen utilidade e o inútil consumo de enerxía.

10.13. A reconversión das feiras, xa necesaria en 1917

Mentres uns reclamaban básculas nas feiras para introducir obxectividade no trato (ABA), Prado *Lameiro*, veterinario que tentou por moitos medios introducir maior racionalidade na gandería galega, publicou dous textos na revista *O Tio Marcos d'a Portela* (PL2b) que preconizaban o que dixemos na epígrafe 10.5.1. e que anuncia o que sería realidade na fin do século XX, como veremos en 10.14.

> *Xa falamos algunhas veces, anque soilo fose de présa, e sin faguer moito fincapé n-o asunto, d'a necesidade de endustrializar en Galicia canto á agricultura cheire.*
>
> *Hoxe ímoslle dar un toque as feiras gallegas, eses centros de contrataceón tan convenentes, pro que s'atopan d'o mesmo xeito que cando élas escomenzaron a funceonar alá en tempos pra nós desconecidos.*
>
> *Unha feira gallega ven a ser cuasemente un zoco marroquí; cousa sin orden nin concerto onde cada un acode c'o que lle dá a gana, ponse onde quere, e vende pol-o que se ll'antoxa, empregando pra conseguilo cantas artes, boas ou ruis, lle veñan ó caletre.*

O feirante soilo pensa en desfaguerse d'o que trai, sin que o preocupe o resultado que a sua mercancia poida dar, iñorando qu'o créto que pol-a sua honradez, seriedade e bondade d'a cousa vendida, podería adiquirir, sería pro mañán unha anorme ventaxa que ll'aseguraría franca e remuneiradora venda pra canto il poidera preducir.

O comprador de boa fé que foi enganado n-un pais pr'él desconecido, nin volv'él nin d'íl fala senón pra lle quitar canto créto poida.

Ós mercados tramposos sö van mercadores tramposos tamén, pro, ístes, que xa saben con quén van lidar, teñen sobor d'os d'o pais a ventaxa de seren homes d'o oficio e, pol-o mesmo, mais despertos e conecedores d'as argalladas e maulas que poidan topar diante, y-así socede qu'íles salen sempre ben, namentras qu'os pipiolos que contaban con enganalos, sán de cote enganados.

Non pode haber nada bo, non pode haber trato séreo, xeitoso, útil, cando ambas partes contratantes están sö a ver quén engana á quén.

O comérceo moderno tende á seriedade, a honradez y-a economía de tempo; d'ise tempo que n-as nosas feiras se perde qu'é un milagre en axustes vergonzosos, en rosarios de mintiras tan inxeniosos como estériles, cando non fondamente perxudiciales.

Hai que desterral-a costume d'o axuste, non soilo por conquistal-a seriedade, a honradez y-o créto d'as nosas feiras, senón tamén pra evitar qu'o home mais honrado, mais séreo, mais diño, se vexa, como se ve hoxe, obrigado a ser un de tantos trampós n-o istante en que, pra vender ou pra mercar, pón os pés n-un toural.

Mais, pra que tal costume, fondamente agarrada pol-a sua mesma antigüedade, poida largarse sin perxuicio d'os entereses d'a riqueza gallega, é perciso conecer bén aquiles puntos qu'han ser cimento d'o novo sistema de contrataceón.

Pra qu'o labrego poida, ó chegar a feira, tomal-o convenente rumbo, ha saber o siguente:

1.º Ter conecemento certo, d'a calidade d'o que vai vender.

2.º Precio a que se paga nos mercados reguladores a unidade tipo d'o artigo qu'íl leva á venda.

3.º Gastos, aprousimados, qu'o tal artigo ten, dendes que sai d'a sua mau hastra que chega ó mercado dito.

Y- en cabo, faguel-a conta d'o precio a que, en vista d'os datos derradeiros, llo poden e deben pagar os mercadores.

Esto, que parés, así de súpeto, unha anormidade, é certamente ben sinxelo s'hai boa vontade por parte de todos xa que'a todos convén.

Y-espricarémonos.

Chamámoslle mercados reguladores, aquiles centros, aquiles pobos que consumen toda ou unha grande parte d'os predutos que n-a feira ofrecemos, como, por exemplo, Madrí ou Barzalona.

Istes grandes mercados teñen homes ciscados pol-a naceón endiante, e por unha cantidade de diñeiro que lles dán, aquiles homes mercan n-as nosas feiras, e n-outras, o que percisan e mándano alá.

O préceo de compra rebíbeno istes axentes, qu'eiquí chamamos tratantes, d'aquiles centros, e con arreglo á íl fan os seus tratos.

Agora ben, o tratante sabe, antes de chegar á feira, hastra donde pode pagar, e conece, por sel-o seu oficio, a calidade e cantidade d'o que merca. En troques, o labrego soilo conece, cando mais, a calidade d'o que leva á venda, pro iñora canto leva y-o que pode valer. A inferioridade d'o vendedor sobor d'o mercador e ben sinalada, e n-a loita tén de por forza que perdel-o pirmeiro.

Modo d'evitalo.

Os Auntamentos, e inda millor os Sindicatos agrícolas que debe haber canto antes en todas partes, porían n-os campos de feira básculas pra pesar canto elí fose de venda. Terían tamén corresponsales n-os mercados reguladores, qu'o víspora de cada feira lle mandarían pol-o aramio os préceos correntes d'os artigos que en cada caso fosen ouxeto de contrataceón, e faguendo a xunta d'o Sindicato a conta d'os gastos que cada artigo tivese dend'a feira hastr'o seu destino, faguerían saber ós labregos, por médeo d'un anúnceo colocado en sitio convenente d'o feiral, o préceo a que debían suxetarse pr'á venda d'os predutos.

A cousa non tén, como se vé, grandes defecultás, nin percisa môres gastos.

En troques, d'ise xeito, o vendedor sabería tanto com'o mercador y-a loita era entón mais equilibrada. Outro día veremos, mais claramente, as ventaxas qu'iste procedemento traguería n-o orde económico.

E no número seguinte d'*O Tio Marcos* (21.10.1917) continúa con este mesmo tema.

N'o derradeiro númaro d'o noso boletín falábamos d'a convenencia d'organizal-as nosas feiras de xeito bén diferente o qu'hoxe teñen, enteirando ôs labregos qu'élas levan algo de venda, d'a cantidade e calidade d'os predutos a vender, e d'o preceo que, honradamente, poden pagar por iles os tratantes según o tipo fixado á unidade pol-os mercados reguladores.

Hoxe imos acuparnos d'as ventaxas que pr'á faltriqueira d'os vendedores traguería a organizaceón proposta.

Hai tratantes de tres clases: comisionistas, que cobran un tanto por cento sobor d'o valor total d'o que mercan, ou, si son d'o gando, un tanto por cabeza; tratantes pol-a sua conta, que mercan pra dispois venderll'iles ós abastecedores, y-en cabo, outros que mercan pra vender iles direutamente ó consumidor. Os mais, son os d'as duas primeiras clases, y-a iles, pol-o tanto nos imos refirir principalmente.

O tratante conece perfectamente, por sel-a chave d'o seu oficio, a calidade d'os artigos que merca, o peso d'iles, y-o valor que teñen n-o istante en qu'os percura.

S'il é comisionista, ganará a comiseón, pro, si por riba d'eso poide tirar algo mais non-o disprecia. Si non é comisionsita, s'il merca pra vender dispois, canto mais barato merque millor choyo faguerá ó vender.

De calquera xeito, il non se vai sin carne n-as uñas, porque sabe moi bén o que trai entre maus, e loita, ventaxosamente, c'o labrego que non sabe nin a cantidade, nin o valor d'o que vende.

Agora ben; pra por mais en clar'o asunto, ímonos fixar somentes n-unha soila clás d'artigo en venda n-as nosas feiras: n-o gando.

Ninguén atopará eisaxerad'o considerar que en cada cabeza de gando qu'os tratantes mercan ganen, dispois d'a comiseón, vinte reás en cabeza môr, e dez en cada pequena, de gando vacuno; un peso en cada porco cebado; duas pesetas en cada carneiro, ovella, cabra, ou castrón, e unha peseta en cada cordeiro; pois bén, carculando moi pol-o baixo, venderíamos n-esta provincea d'Ourense, n-a roda d'o ano, o gando siguente:

Gando vacuno môr	*16.984 cabezas*
" " pequeno	*2.720 "*
Porcos cebados	*3.918 "*
Ovellas, carneiros, cabras e castrós	*11.273 "*
Cordeiros	*849 "*

Si faguedel-a conta ó que, arreglado os termos de ganancia ditos, levaron os tratantes de mais, veredes que perdestes moi o pé de vintesete mil pesos, sin faguer conta de porcos de cría e cabritos que, ainda que non en tanta cantidade, tamén se venden.

Xuntai este diñeiro, que seguramente n-a realidade e moito mais, c'o que vos levan por outros mil artigos qu'a feira levades, e mirai si non merece a pena de trocar de conduta.

Si o labrego coñecera o que denantes dixemos, o tratante levaría somentes a comiseón, ou un tanto por cento equivalente a ela, y-eses vintesete mil pesos, mais os outros que por outros predutos voan, quedarían n-as maus d'o labrego.

O sistema que propuxemos nin é novo, nin é ind'o mellor, pro, n-os tempos d'hoxe, sería o mais convenente xa qu'inda non estamos en condiciós d'acometer outras milloras que pra predutores e cunsumidores serían a últema parola. Referímonos á venda direuta de predutos, suprimindo ós intermediarios, ises zumezugas que dispois d'estafar o labrego, fan chegar ó cunsumidor os artigos ón preceo dobrado d'o qu'iles tiveron n-o lugar d'orixen.

10.14. As feiras modernas

As modificacións do mercado gandeiro que en 1917 preconizaba o veterinario Prado Lameiro son xa unha realidade dende 1971, como imos ver. Toda aquela habilidade mercantil, baseada nunha picardía milenaria, entrou na súa fase de extinción definitiva.

Galicia é hoxe o primeiro mercado de gando bovino de España pero foron desaparecendo a maior parte das feiras locais e no ano 2009 as transaccións concéntranse en tres grandes feiras: Santiago, Silleda e Castro de Rei. Se entre 2005 e 2009 Santiago e Castro de Rei tiveron un certo descenso das súas transaccións, Silleda, en cambio, aumentounas nun 19%. Deste xeito Galicia segue sendo o primeiro mercado de gando bovino de España porque no 2007, sumando os tres mercados, comercializou 229.333 reses fronte ás 140.962 de Asturias que é o segundo mercado.

10.14.1. A feira de Santiago



Vista xeral do mercado de Amio (2003).

A feira de gando de Santiago de Compostela [562], unha das máis antigas e importantes de España, celebrábase tódolos xoves na carballeira de Santa Susana, ó ventimperio. O Concello decidiu en 1964 crear un recinto grande e cuberto que permitise grandes concentracións de reses co máximo de hixiene, sanidade e transparencia comercial. O Mercado de Salgueiriños inaugurouse o 14.08.1971 e foi o primeiro de España destas características, converténdose en modelo doutros que se crearon por España adiante. Xa en 1968 o Goberno español clasificara as feiras de toda España en Mercados Comarcales, Regionales e Nacionales e o de Santiago foi un dos poucos Nacionais. O 21.05.1998 o mercado de Santiago (Salgueiriños) aínda se trasladou a unhas instalacións mellores e máis grandes (en Amio).

Esta feira introduciu nas transaccións unha transparencia, sanidade e obxectividade que fixeron case imposible toda a picaresca que vimos de describir. A información veterinaria e a mesa de prezos danlle obxectividade a todo o proceso comercial. As condicións sanitarias que se esixen no local e nos medios de transporte do gando permiten afirmar que estes supermercados de gando pouco teñen que ver coa feira tradicional.

Os datos que ofrecemos a continuación, facilitados por Concepción Canedo Barreiro, xerente do Mercado Nacional de Gando de Santiago, son moi significativos porque foi a feira de gando máis importante de España (e dende 2004 a segunda detrás de Pola de Siero).

Evolución da venda de gando no Mercado de Santiago (1968-2008)		
	1968	**1969**
Becerros de recría	18.374	20.325
Becerros de abasto	1.650	2.200
Vaca de abasto	1.792	2.455
Vaca de vida	1.403	1.623
TOTAL	23.219	26.603

[562] http://www.asemga.com/index.php?option=com_content&task=view&id=21&Itemid=39 [9.10.2009].

	1970	1971	1972	1973	1974	1975	1976	1977	1978	1979
Becerros de recría	25.689	35.025	58.849	47.470	69.144	71.931	92.322	102.116	118.840	123.299
Becerros de abasto	4.181	6.152	7.256	7.599	16.551	29.743	26.364	33.905	34.814	35.430
Vaca de abasto	4.581	7.093	8.697	7.030	12.183	12.901	13.564	15.554	16.370	17.768
Vaca de vida	1.603	3.250	3.243	2.559	4.781	6.716	45.835	8.832	8.745	14.251
TOTAL	36.054	51.520	78.045	64.658	102.659	121.291	178.085	160.407	178.769	190.748

	1980	1981	1982	1983	1984	1985	1986	1987	1988	1989
Becerros de recría	104.141	97.337	103.372	54.935	100.011	102.395	102.259	115.415	115.428	130.465
Becerros de abasto	43.416	46.265	47.636	22.541	48.129	56.812	56.734	52.527	47.641	51.906
Vaca de abasto	33.521	30.594	27.231	14.607	24.129	26.085	27.550	31.657	32.805	30.514
Vaca de vida	8.691	8.395	6.981	4.073	7.465	6.286	7.030	6.587	5.684	4.679
TOTAL	189.769	182.591	185.220	96.156	179.734	191.578	193.573	206.186	201.558	217.564

	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999
Becerros de recría	115.502	106.015	89.624	88.719	91.150	85.390	87.777	93.941	101.821	108.936
Becerros de abasto	54.787	61.378	66.733	56.978	51.390	49.120	47.654	45.985	40.095	35.913
Vaca de abasto	31.098	33.754	37.422	37.115	33.188	31.020	34.319	36.805	32.304	32.699
Vaca de vida	2.475	1.950	1.620	1.635	1.517	1.313	1.284	1.025	983	1.049
TOTAL	203.862	203.097	195.399	184.447	177.245	166.843	171.034	177.756	175.203	178.597

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Becerros de recría	112.284	86.576	110.398	111.229	108.229	104.312	96.125	80.205	77.485
Becerros de abasto	31.116	21.613	26.456	24.558	23.693	23.110	21.006	18.474	17.072
Vaca de abasto	30.770	18.178	25.447	23.531	23.357	19.859	19.692	16.166	15.424
Vaca de vida	1.441	620	980	1.015	6.300	1.055	1.086	825	932
TOTAL	175.611	126.987	163.281	160.333	161.579	148.336	137.909	115.670	110.913

▸ Fonte: Mercado Nacional de Gando de Santiago de Compostela.

A importancia do mercado santiagués fai que este resumo histórico das súas transaccións resulte moi ilustrativo para toda Galicia. Primeiramente obsérvase a inflexión que supuxo a apertura deste Mercado nacional, concentrando progresivamente os centos de pequenas feiras de carácter local. Pero tamén permite ver que dende 1990 hai un descenso continuado das transaccións. A crise das vacas tolas (2001) afectou moito os mercados, non só porque houbo gandeiros que, como medida preventiva, realizaron sacrificios innecesarios de vacas (facendo real aquel dito popular de *ir á corte e matalas todas*) e isto diminuíu o total de cabezas de gando, senón porque houbo unha baixa no consumo de carne que aínda en 2009 non recuperou os niveis tradicionais anteriores. A isto hai que engadir que hoxe entra carne doutros países de Europa, que antes non entraba, e que, sendo maiores as explotacións, os maioristas poden mercar unha parte do gando directamente en orixe.

10.14.2. A feira electrónica de Silleda

Os xornais *El Correo Gallego* e *Galicia hoxe* dedicaban o 17.10.2006 unha pequena reportaxe á Lonxa Agropecuaria de Galicia [563], situada no recinto da Feira Internacional de Galicia, en Silleda, na que daban a nova da implantación dun novedoso sistema de poxa. Esta lonxa está a gañar terreo ós mercados tradicionais de gando e vaise achegando progresivamente ó volume de transaccións do maior mercado galego, o de Amio, en Santiago: así, nos oito primeiros meses do ano 2006 aumentara a súa facturación un 24% verbo da do mesmo período do 2005 acadando xa os 16,81 millóns de euros.

[563] http://www.asemga.com/index.php?option=com_content&task=view&id=22&Itemid=40 [9.10.2009].

Esta feira, que naceu en abril de 1981 ó abeiro da Asociación de Amigos da Feira Semana Verde, faise tódolos martes en dous pavillóns con capacidade para mil tenreiros de recría e 600 reses maiores. O importante é o sistema. O proceso de poxa iníciase coa chegada dos animais á nave, onde se marcan cun número identificativo. O propietario recibe un resgardo e o comprador puxa de forma secreta polo animal e apunta a súa oferta nunhas tiras. Sobre as once e media da mañá no salón de poxas comunícase de viva voz o prezo máis alto seleccionado, que o comprador acepta ou rexeita. En poxando os animais todos, a lonxa emite un recibo que corresponde á venda de cada animal. O gandeiro vendedor queda coa copia e un talón bancario polo importe da venda. O resgardo orixinal é para o comprador.

Con este sistema Silleda consolidou a ruptura co tradicional raleo entre compradores e vendedores de gando, fixo desaparece-la tensión do troco, o engano de gardar os mellores exemplares para un ofertante que non terá que poxar, as *estacas,* os *salgueiros* e demais mañas. Desaparece así todo o teatro mercantil que describimos nas epígrafes anteriores.

Aínda que algúns insinúan que este sistema supón o final da venda de animais sen control sanitario, a afirmación é aventurada porque, aínda que na venda entre propietario e gandeiro podería darse algún caso, a venda sen control sanitario non é posible nin nun mercado tradicional nin nun mercado electrónico. O pago co sistema de Silleda tampouco é máis efectivo: pode ser máis visible fiscalmente pero na feira tradicional o que se discute é o establecemento do prezo, non a realidade final do pago.

A impresión dos gandeiros, que recollían eses xornais, era que con este sistema todo é máis transparente e máis rápido pero que os prezos seguen sendo altos para os que mercan e baixos para os que venden.

¿Canto tardará este sistema en estenderse a toda Galicia? É difícil responder esa pregunta, porque un sistema semellante a este xa se implantou nas lonxas de peixe hai uns dez anos e a súa extensión avanza con notoria lentitude: no Grove, este sistema de poxa electrónica tamén substituíu en abril de 2009 o sistema manual e tradicional de *da-lo mío* [564].

En calquera caso parece que este sistema de poxa electrónica dita a sentenza de morte contra un tipo de mercado que ten de humano o bo e mailo malo, aquilo que dicía o refrán de *Non se fai boa feira sin cartos nin falamenta, Pra facer boa venda, pachola e pibela* ou *Si vas a feirado, ou vai enganar ou volve enganado* e con todo iso podería desaparecer tamén o comeren e beberen xuntos algo comprador e vendedor.

10.15. O roubo de gando

Rematamos este capítulo con este asunto excepcional pero que provoca unha enorme sensibilidade. Unha res era o ben moble de máis valor da familia labrega galega e o seu roubo destrúe, aínda que sexa ocasionalmente, todo o sistema económico tradicional.

O roubo de gando debe de ser cousa de sempre porque na mitoloxía grecolatina xa se narran algúns casos paradigmáticos.

Apolo, por castigo de Zeus, tivo que servir durante un ano a un home gandeiro. Alí estivo coidándolle o gando e grazas a el as vacas parían sempre dous becerriños. Un día Hermes rouboulle os bois pero Apolo acabou dando co seu armentío no monte Cileno. O caso é que como Hermes inventara a lira (feita cunha cuncha de sapoconcho, unha pel de boi ben tensada e uns cornos de boi), a Apolo gustoulle tanto que lle regalou o gando a cambio da lira.

Roubarlle a Fílacos os bois, que tiña gardados por un can rabioso, foi a condición que o futuro sogro lle puxo a Bías, cando este lle pediu para casar coa súa filla Pero.

Pero o roubo máis espectacular aconteceu cando Heracles lle roubou ó xigante das tres cabezas, Xerión, un gando marabilloso. Foi o seu décimo traballo [565]. Euristeo mandouno a busca-los bois do xigante a quen llos gardaba o gandeiro Euritión axudado polo can Ortros na illa Eritia ("País Vermello"), illa que estaba no Fin da Terra. Heracles matou o can, o pegureiro e mailo xigante e trata de volver a Grecia co rabaño na "copa do Sol", unha barca misteriosa na que o Sol volve de noite dende o Solpor ó Abrente para iniciar un novo día. Para iso tívose que enfrontar a frechazos co propio Sol, e cuns brigantes que lle saíron ó camiño. Así que

[564] Supoñemos que o tal *mío* é a onomatopea do que di o comprador indicando que fai seu o lote de peixe (*¡Mío!*) no prezo que acada nese instante. Resulta curioso que se utilice a palabra en castelán (*mío* e non *meu*), cando todo o resto da poxa e da relación social na lonxa se fai en galego.

[565] É sabido que Heracles, nun ramo de tolemia, matara os cinco fillos que tivera de Megara, filla do rei Creón. Hera fixo que se puxera ó servizo do gandeiro Euristeo e este mandoulle facer doce traballos difíciles que se consideran expiación polo múltiple asasinato.

decidiu volver a pé por terras do Mediterráneo Norte. Á altura de Marsella tivo que defende-lo seu armentío dos que llo quixeron roubar, utilizando unha chuvia de pedras coa que o axudou Zeus. Á altura de Roma déixaos pacer ceibos no *Forum Boarium* (Feira dos bois) e vai descansar á beira do Tíber. Entón Caco quíxolle rouba-la facenda toda pero non puido atrapar máis que catro parellas. Para disimula-lo roubo atounas polo rabo e fíxoas ir a ceacú cara á súa cova para que non descubrise para onde foran. Pero Hércules [566] acaba descubrindo o achante porque percorre a redonda co gando que lle quedou e cando os animais ventan a proximidade uns dos outros, empezan a bradar e así descóbrese o enguedello (outra tradición mítica di que o descobre por Caca, irmá de Caco: esta dá coa lingua nos dentes [567], e entón Hércules, en agradecemento, concédelle ter un culto local semellante ó da deusa Vesta). Máis ó sur, na Calabria, Hércules hospédase na casa de Crotón. Un veciño deste róuballe os bois a Heracles e este mátao e sen querelo mata tamén a Crotón, en compensación érguelle un gran mausoleo e profetiza que alí haberá unha gran cidade: é a actual Crotona. Na propia Calabria un becerriño fóxelle cara ó mar e chega nadando a Sicilia. Dese vitelo (latín *Vitulus*) disque vén o nome de Italia. Heracles recupera naturalmente o vitelo, matando a quen xa quería quedar con el. Tamén na Mesenia lle quixeron rouba-lo gando os once fillos de Neleo. Heracles matounos a todos menos a Néstor que foi o único que non participara no intento. Finalmente, na costa Ionia, Hera mandoulle uns tabáns que talmente aferroaron o gando que este moscou e pegou a fuxir ás tolas e Heracles xa non deu arrecadado máis que unha parte. O resto quedou ceibo polas chairas de Escitia. O que quedou entregoullo por fin a Euristeo, quen llo sacrifica a Hera.

En Galicia algún roubo de gando debeu de habelo sempre, aínda que non esteamos en condicións de falar de cantidades nin de porcentaxes e probablemente foi cousa excepcional.

Temos dous indicios. Un, que entre os séculos XII e XIII atopamos tres excomuñóns en Sínodos composteláns contra os ladróns de bois: Sínodo Compostelán de Juan Arias (1259-1267) [568], Sínodo de Rodrigo González (17.07.1289) [569] e o Sínodo de Rodrigo de Padrón (27.05.1309) [570].

O segundo indicio é que o roubo de gando aparece nalgún conto popular.

13586b **picorear** *v.* Roubar gando. (ERG).

O home que roubara unha vaca [571]

Un día foi un home a confesarse, e díxolle ao cura que roubara unha vaca. O cura díxolle que tiña que devolverlla ao dono inmediatamente, sinón que pecaba mortalmente.

- *Si, pero xa a vendín* –dixo o home.

- *Pois, si a vendeu* [572], *díalle os cartos* –dixo o cura.

- *Os cartos gasteinos* [573] *todos, e non teño máis* –decía o home.

- *Pois mire, si non lle dá os cartos ou a vaca, pra o día do Gran Xuicio aparecerán no campo de Josafat ustedes os dous, e a vaca andará por alí adiante a saltos hacia usté e embestindo* –decía o cura.

- *¡Ai, señor cura! ¿E ha de aparecer a vaca tamén?*

- *Si* [574], -dixo o cura.

- *Pois logo, xa está todo arreglado: collo a vaca por un corno, dóulla ao dono e xa non lle debo nada*.

---

[566] Heracles é a forma grega e Hércules a latina. Esta parte da lenda de Heracles é latina.

[567] É dicir, descóbrelle o segredo.

[568] *Raptores boum sint excommunicati* (que queden excomungados os ladróns de bois) (AGG:270; Santiago 1259-1267;2,9).

[569] *Statuimus quod raptores boum sint excommunicati, et qui cum eis sine uoluntate dominorum suorum laboraverint uel hoc mandauerint uel procurauerint fieri, sint ipso facto excommunicati* (Establecemos que os ladróns de bois queden excomungados e tamén os que con eles traballen sen mandato dos amos e que os que llelo manden facer, ou que lles axuden a facelo, queden ipso facto excomungados) (AGG:279; Santiago 1289; 3,32).

[570] *Item raptores et pignoratores bouum, sine licentia archiepiscopi, decani seu archidiaconi loci, sint excoomunicati et non absoluantur, nisi satisfactione premissa* (Igualmente /establecemos/ que os ladróns e empeñadores de bois sin licencia do arcebispo, deán ou arcediano, queden excomungados e non reciban absolución máis que despois de restituíren) (AGG:282).

[571] FINGOI:157. Tamén foi recollido por HH-MB.

[572] No texto: *vendéu*.

[573] No texto: *gastéinos*.

[574] No texto: *Sí*.

Da tradición do roubo do gando hai tamén un indicio indirecto pero fiable. En diferentes linguas occidentais chámaselle *roubo de gando* ó feito de que un concello menor (coma tal New Jersey) pero estremeiro cunha metrópole (New York) atraia industrias e negocios que parecerían chamados a asentarse na metrópole.

Hoxe, identificada cada res dende o momento de nacer ata o da súa morte, resulta moito máis difícil poñer no mercado un animal roubado. O control sanitario exercido sobre matadoiros e cortadorías fai tamén moi difícil vende-la carne dun animal roubado. A picaresca é sempre máis imaxinativa cá lexislación pero esta fai máis inviable o roubo, aínda que siga sendo tecnicamente posible.

Capítulo 11. ESPECTÁCULOS E RITOS CON BOIS. A TAUROMAQUIA

Capítulo 11. ESPECTÁCULOS E RITOS CON BOIS. A TAUROMAQUIA

Demanera, que en Galicia, ni ay toradas, ni grandes bacadas, ni toros para matar hombres; con todo eso, ay abundancia de carnes, de leche, manteca &ª. Tampoco ay toros de puesto. Los mas de los aldeanos tienen almallos en estado de ser padres, asta tal edad; y despues, los castran, à todos, todos, para ponerlos al carro, y al arado. De este modo se verifica, que el ganado bacuno en Galicia, y en donde se travaja con bueyes, y no ay la barbarie de la fiesta tragica de toros, siempre es compañero del labrador en el travajo. No solo compañero, y socio; sino tambien amigo, y agradecido. Y con esta propiedad arguye Dios a su pueblo por Isaias: cognovit bos possessorem suum Israel autem me non cognovit [1]*. El buey conoce â su dueño, y aun le lame; y el borrico, solo conoce el pesebre. Estan patentes à todos las monedas de la colonias, con la insignia del buey, como simbolo de la agricultura; y ninguna ay con la insignia de la mula. Esta casi come lo que gana. Y el buey gana mucho mas de lo que come. Y con razon se dirà de los bueyes: sic vos, non vobis, fertis aratra boves* [2] (FMS4: 6867).

En el norte no existe la misma afición a los toros que en el resto de España, pero los que acuden son un público muy entendido, como el de Sarria. (Canales Rivera, Carlos Collado y el rejoneador, Sergio Vegas VG2:17.06.2009).

Máis vale un carro de vacas ca un carro de bois. (Refrán galego).

O tamaño, a forza, o rendemento económico, a riqueza da súa carne e tamén o seu carácter (manso ou bravo) converte a vaca e mailo boi en referencia para todo o que é enorme e superlativo; e nunha cultura gandeira coma a galega, converteunos no noso animal totémico. É natural que este *compañeiro, socio e amigo agradecido* -como o caracterizaba o P. Sarmiento no século XVIII- estea presente en diversos ritos e espectáculos de Galicia. Con ese *compañeiro, socio e amigo agradecido* o home galego enredou, probando que a súa habilidade era superior á forza e instinto do animal, porque sabía que este animal de corpo pesado e pata pequena, cando o fan correr, esgota a súa enorme forza. Foron os carniceiros os primeiros en sabelo e probablemente os primeiros en converteren esa operación necesaria en espectáculo, que aínda hoxe se chama *correr* e *corrida*. Veremos que a relixión participou axudando a cargar de simboloxía relixiosa este animal: boi e vaca ofreceron paso solemne e simbólico en sonadas procesións. E tamén ofreceron humor en varios entroidos.

---

1 "O boi coñece o seu amo pero Israel non me coñece". Cita bíblica (Isaías 1,3) na que Deus se queixa da ingratitude do pobo que El elixiu. Sarmiento cita simplificando, porque o texto bíblico di: *Cognovit bos possessorem suum et asinus praesepe domini sui Israhel non cognovit populus meus non intellexit* ("Coñece o boi ó seu amo; e o burro a corte do seu dono: Israel non me coñece; o meu pobo non ten xuízo").

2 "Así vós, os bois, tirades polo arado pero non en proveito voso", fragmento duns versos atribuídos por Donato a Virxilio trala apropiación indebida duns versos polo poetastro Batilo. Véxase a anécdota completa nunha nota no capítulo 13 *Todo é como unha vaca* no comentario ó refrán *Boi galego, que decrúa o monte pra o proveito alleo* na epígrafe *Traballo con proveito alleo*.

A tauromaquia, nas súas diferentes variantes, é un espectáculo primitivo que sobrevive (e por iso a caracteriza) na península ibérica e área de influencia: sur de Francia e algúns países americanos. Galicia e Asturias constitúen unha chamativa excepción nesta península tauromáquica porque, sendo grandes criadoras de gando vacún, ningunha das dúas acada a te-lo 0,4% dos espectáculos taurinos de España (verémolo na epígrafe 11.10.6.). Esta escasa presenza e algunha outra peculiaridade galega [3] adiántanse á controversia social que hoxe suscitan pero non nos eximen de tratar aquí o que hai e o que houbo en Galicia

Estes espectáculos (en boa parte, cruentos) provocan controversia social, porque o europeo do cambio de milenio perdeu as claves simbólicas que explicaban que o rito fose un rito (no que había que participar) e non un espectáculo (que só se contempla). Perdido o simbolismo e degradado o rito en espectáculo, por moita cerimonia e música e color que haxa, a mirada do espectador galego céntrase compasiva no sufrimento do animal.

¿De onde nacen os diferentes tipos actuais de tauromaquia? ¿Como é posible que en tempos fosen os cabidos das catedrais os que organizaban corridas de touros en Galicia e que as considerasen parte das súas liturxias?

A tauromaquia non tivo sempre o mesmo formato e non procede dunha única raíz; pero coidamos que as raíces máis fortes son tres: estilización do oficio de cortador (11.1.), provocación dos naturais enfrontamentos entre bois para estableceren xerarquía na manda (11.3.4. e 11.10.1.), exorcismo litúrxico contra o demo (11.4.2.2.): na Europa medieval o boi enteiro era un símbolo litúrxico do demo e isto na Idade Media deu orixe a diferentes ritos paralitúrxicos (coma o boi de Allariz e a Coca de Redondela). É certo que noutras culturas máis antigas o boi enteiro simbolizou outros valores e que deles pode vir algunha outra raíz da tauromaquia española, pero naquelas tres raíces debe esta-la razón do que hoxe existe en Galicia. Perdidas estas claves, o rito activo faise espectáculo pasivo e, en boa parte, incomprensible.

0 99% dos milleiros de festas populares de Galicia non inclúen ningún espectáculo taurino. Non parece que estes espectáculos fosen en Galicia algunha vez ou sexan hoxe algo que xurda espontaneamente do pobo, e menos do mundo gandeiro: son un fenómeno urbano e con certo grao de mimetismo co exterior de Galicia. A chamativa excepción galaico-asturiana na Península Tauromáquica parece indicar que a nosa relación cos bovinos é moi diferente da que existe nos dous terzos meridionais da Península. En Galicia o boi é, como o caracterizou Sarmiento, compañeiro, socio e amigo agradecido. Pero en Galicia o animal totémico é a vaca (e o boi pode selo por consorte). Xa o refrán di que *Máis vale un carro de vacas ca un carro de bois* (XLRG:60) porque un carro de bois (metonimia dunha parella de bois) vale para o carreto (iso si, de grandes pesos: toradas de carballo ou bloques de pedra); pero a un carro de vacas (metonimia dunha parella de vacas) sácaselle outro proveito porque tamén vale para o carreto (aínda que de menos peso) e ademais pare varias crías e, por se for pouco, tamén dá leite.

Ten certa relevancia o feito de que en galego a palabra *touro* designe o becerro, é dicir, que se aplique máis ben á cría, mentres que se lle chama *boi*, cando xa o animal é adulto; e mesmo témo-la palabra *toura* que significa "becerra" (XAAP:69).

A gandería galega non se orienta á cría de gando de lida e viviu basicamente arredada desa actividade. Galicia non será vangarda da loita antitaurina [4] pero, na práctica, é o maior territorio libre de corrridas: a forma tradicional galega de manifesta-lo rexeitamento é calar e afastarse.

Pero algo de tauromaquia houbo; e algo hai. A nosa pretensión, aquí coma no resto do libro, é etnolingüística e, polo tanto, pretendemos ver cómo se viven en Galicia estes asuntos. Repasaremos, logo, os tres tipos de tauromaquia que se deron ou dan en Galicia e intentaremos encontra-la orixe funcional da que naceron. O lector debe saber que cae fóra das nosas pretensións un estudo histórico exhaustivo. Esperamos movernos dentro da obxectividade histórica, veterinaria e etnolingüística.

11.1. A tauromaquia, derivación do oficio do cortador

A carne dos bovinos é de tal calidade, que o gandeiro galego sacrifícaos a tempo de aproveitala; disto xa falamos no capítulo 6. Algúns sacrificios de vacas teñen unha certa ritualización, como xa vimos en 6.6.5.2. (festa das sete vacas en Tebra) e como veremos en 13.3.7. (chapreiras de San Cristovo de Viñas).

[3] Galicia, por exemplo, non ten ningunha Escola Taurina. Os datos proceden do Ministerio de Interior (MIR), que ofrece unha comparación cos datos do ano anterior e na que se percibe un descenso destes espectáculos en toda España.

[4] Verémolo en 11.12. e 11.14.

Pero da vaca espérase a reprodución, o leite e, na agricultura tradicional, a forza de tracción e mailo esterco, de xeito que o sacrificio das vacas é normalmente serodio e rápido.

Cos machos é diferente. Sarmiento explicouno ben no século XVIII presentando a maioría dos bois enteiros como un excedente incómodo: excedente, porque un único animal chega para cubrir moitas vacas; incómodo, porque coa idade o animal vólvese dificil de manexar e mesmo perigoso. Por iso o capan (para quitarlle agresividade) ou sacrificano. Isto é o que fai o gandeiro galego e os gandeiros de todo o mundo que se alimenta de carne de bovino. O sacrificio dos bois enteiros ten maior risco, maiormente se viven en liberdade, polo carácter indómito do animal e pola desproporción das forzas humanas e bovinas. Pero hai unha técnica: o home sabe que o boi, se o fan correr moito, cansa máis antes có cabalo; a evolución natural fixo deste animal un ser incapaz de realizar carreiras rápidas e prolongadas. Por iso o home fai *corre-lo boi* para cansalo e para achegarse a el con menos perigo, cando está abafado. Os carniceiros foron os primeiros en sabelo e probablemente os primeiros en converter esa operación en espectáculo, patrocinando corridas. Hai para eles un beneficio adicional: correr activa a circulación sanguínea e facer que o boi corra antes de matalo, provoca que despois a súa carne pese máis [5]. Verémolo na epígrafe 11.8.

> *Una de las diversiones de los muchachos, es jugar con los carneros, incitandolos con la expresion: Topa, martin; para que vengan à dar mochadas. Lo mismo hacen con los terneritos. Y los carniceros, no por diversion, sino para que la sangre se extienda mas, y pese mas la carne; agitan, corren, y torean las bacas, y bueyes, que han de matar, y vender en la carnicerìa* (FMS4:6876).

Se a isto lle engadímo-la natural propensión de certos mozos a exhibiren con calquera excusa a súa valentía, habilidade e temeridade e tamén a fascinación que produce contempla-la violencia, xa temos tódolos elementos para que nacesen tódalas formas de tauromaquia. A táctica acábase convertendo en rito e despois en espectáculo, do mesmo xeito que se ritualiza a incruenta rapa das bestas. Aquí debe esta-la orixe primixenia, prosaica e funcional de tódolos espectáculos taurinos.

A tauromaquia é, para a nosa idea, unha parte do oficio de carniceiro, matador ou cortador, que no caso dos bovinos adultos e enteiros require unha técnica especial e un risco grave para o matador. Para diminuí-lo risco humano, en tempos nos que non se dispoñía doutros métodos mecánicos de eficacia instantánea, inventouse un sistema que vai progresivamente minguando as forzas do animal ata que chega o momento en que o matador se pode achegar e espetarlle unha espada ou puñal que lle corte a medula espiñal. Todo isto foi creando unha ritualización espectacular porque a morte do animal, e algunha vez do matador, é real, nacendo así un espectáculo tráxico que estimulou a viva sensibilidade de pintores, escultores, poetas e músicos.

Des que existen as frechas ou, polo menos, a pólvora, hai métodos máis rápidos e seguros para capturar e sacrificar un boi enteiro adulto. Hoxe hainos aínda máis rápidos e indoloros para o animal pero tódolos espectáculos deportivos de hoxe son antigas actividades profesionais que quedaron obsoletas pola aparición de adiantos técnicos máis eficaces. E, así, o carácter tráxico do sistema primitivo de sacrificalos bois enteiros adultos segue fascinando moita xente da Península Ibérica (e das antigas colonias) que o converteu en símbolo cultural (*cultura del toro* [6]) e símbolo español (*fiesta nacional*). A repulsión que, en

---

[5] Na actualidade esta picaresca está evitada. Cando comezou a regularse a matanza das reses de abasto nos matadoiros e a instituírse oficialmente a inspección veterinaria dos animais, *ante* e *post mortem*, estableceuse como *carne insalubre* a procedente de animais enfermos, con febre ou caquécticos e tamén as carnes repugnantes (con colores ou cheiros anormais, non evisceradas etc.), casos nos que era preceptivo o comiso da carne. O primeiro *Regulamento de Matadoiros*, de 1918, incluía dentro desta clasificación as *carnes fatigadas* e as *carnes sanguinolentas*, obtidas respectivamente a partir de animais sometidos a algún esforzo excesivo antes do sacrificio ou a partir de animais nos que a sangradura resultase insuficiente. *Carne fatigada* é a do animal que chegou de lonxe ó matadoiro andando ou en traslados que o obrigaron a estar en pé moitas horas por falta de espazo no camión ou no tren (e de aí a esixencia de deixalo en repouso durante 1-2 días antes de sacrificalo). *Carne fatigada* é tamén a da vaca que presenta esforzos de parto durante 1-2 días e que, ó final, non acaba de parir e cómpre sacrificala para aproveitala. *Carne fatigada* é a do animal que padeceu cólicos prolongados, nos que a dor produce unha contracción muscular moi forte. A carne dos touros corridos reune as características das *carnes fatigadas* e das *sanguinolentas*, porque aí está moi claro o esforzo muscular intenso inmediatamente antes da morte. Pero foi excluída do ámbito do Regulamento e estas reses non van ó matadoiro e permitiuse a venda só en cortadorías especiais, autorizadas só para a venda de carne de reses de lida, situadas na mesma localidade na que se celebrase a corrida e con identificación expresa: *con un cartel en que se lea con toda claridad: 'Carne de toro sacrificado en lidia'* (Real Orde de 12.06.1901). Tiña a consideración de carne de inferior calidade e non podía utilizarse na elaboración de embutidos. Posteriormente, estas limitacións foron desaparecendo. En calquera caso entre os seareiros das corridas pode encontrarse un certo gusto por comer carne do touro ó día seguinte: a prensa de Pontevedra informaba de que, tralas corridas de agosto, un supermercado vendera en 24 horas 800 kg de carne do touro e que a parte máis cobizada era o rabo (*Diario de Pontevedra* 14.08.2004; 73).

[6] Certamente os ritos ancestrais queren percibir e celebra-lo cosmos (o nadal, o maio, o lume de san Xoán) ou xestiona-lo caos (entroido, primeiro de abril, traslado de cancelas na noite de san Xoán, corridas do galo...), porque cosmos e caos son elementos profundos e crípticos da personalidade humana.

cambio, produce a moitos outros hispanos provoca un debate que no cambio de milenio é cada vez máis agudo: un número crecente de hispanos nega hoxe de forma cada vez máis activa que a tauromaquia española sexa *fiesta*, que sexa *nacional* e, nalgúns casos, que sexa *cultura.*

11.2. Ferocidade bovina: caza e guerra


A caza dos bovinos bravos debe de se-lo primeiro precedente das diferentes formas de tauromaquia que hoxe existen. Con todo, antes de ir máis adiante, cómpre desmitifica-la ferocidade taurina e facémolo recordando algunhas verdades elementais.

Un bovino, vaca ou boi, non é un animal depredador como pode ser un león: os bovinos non teñen poutas nas mans nin nos pés; non teñen dentes canteiros capaces de racha-la pel e a carne da súa presa; non matan para comer, porque non son carnívoros senón herbívoros; e, se ocasionalmente matan alguén, déixano e arrédanse (isto último aínda se comprobou en Galicia no ano 2007 por dúas veces e tamén no 2009). A agresividade ocasional dos bovinos é sempre defensiva e é precisamente o home o que a estimula e xoga con ela. Pódese ler en 16.1. o poema *O touro*, no que Lorenzo Varela conta o que aconteceu na proba do bispo Adaúlfo.

É certo que no bovino, coma en todo o reino animal, hai tamén unha agresividade natural que ten que ver co establecemento da xerarquía. Verémolo na epígrafe 11.3.4. Iremos vendo como desta e doutras manifestacións da agresividade taurina foron saíndo ritos e espectáculos ó longo da historia.

11.2.1. Caza do uro e caza do touro: unha posible orixe económica

O touro de lida é un animal xeneticamente seleccionado para un espectáculo que inclúe a súa morte. Din moitos, non sabemos con qué fundamento, que o seu precedente é o uro. Digamos, logo, unha palabriña verbo do uro.



Único debuxo coñecido dun uro primixenio tomado do natural (Hamilton Smith).

Cando César describe a Selva Negra (*Silva Hercyniana*) menta tres animais característicos: o cervo, o alce e o uro. E do uro di que é algo máis pequeno có elefante [7] e parecido ós touros polo aspecto, color e forma;

[7] Dato esaxerado que non corresponde co que sabemos do uro histórico (160 –180 cm de altura na cruz o uro, fronte a 300 - 335 o elefante africano).

que é moi forte e veloz, que ataca homes e animais en canto os ve; que os xermanos o cazan escorrentándoo cara a foxos nos que o matan; que neste tipo de caza se temperan e exercitan os mozos; que quen matou un uro loce despois os cornos e recibe moitos eloxios; que os xermanos non dan domesticado os uros nin os dan afeito á presenza da xente, aínda que sexan becerriños; que os cornos dos uros pola apertura, forma e aspecto son moi distintos dos cornos dos bois, e que son obxecto moi valorado e que os remachan en prata para usalos como copas nos banquetes suntuosos [8]. Véxase o que dixemos do uro en 2.2.

Lida esta descrición, compréndese que haxa entendidos que digan que o uro é o precedente do touro de lida pola súa bravura pero vemos tres diferenzas. Unha, o touro de lida, en principio, non ataca se está na manda ou se o home está quieto e calado. Outra, o touro é lento e cansa axiña (quizais pola desproporción entre as patas e o resto do corpo [9]) mentres que do uro se dicía que era sumamente veloz. Unha última diferenza é o sistema de caza (correlo cara a un foxo no que se pode matar sen que se poida defender) cando en Galicia só temos noticia de que este sistema se usase para caza-lo lobo; pero véxase o que diremos en 11.6.1.

11.2.2. Usos militares do medo que mete o boi

Algunha vez utilizouse militarmente o ataque ás posicións inimigas acirrando por detrás unha manda de bois [10]. Cando Amílcar Barca (229-228 a. C.) tiña sitiada a cidade de Heliké (probablemente Elche) Orissón, xefe dos oretanos, acódelle atacando o exército asediante con carros de bois con materias incendiadas: os bois, asustados polo lume, esmagan o exército púnico.

Esa mesma táctica utilizaríaa Aníbal contra os romanos no 217 a.C. No paso de Falerno, atoulle ramallos de bacelos de vide ós cornos duns bois (xovencos, segundo Cornelio Nepote), prendeulles lume ós ramallos e acirrou os bois contra o campamento dos romanos que nin se atreveron a saíren do campamento encerrados como estaban entre montes. Fabio Máximo, desconcertado, pensou que era unha visión e non se atreveu a saír do campamento, facilitando así o avance de Aníbal [11]. Hai quen di que esta táctica probablemente lla suxeriron os seus mercenarios iberos.

No século XVIII en Padrón houbo algunha vez un espectáculo taurino que fai lembrar este feito (11.7.5.). Becerros con lume nos cornos hainos aínda hoxe, como espectáculo popular, nalgúns puntos de España [12].

11.3. Espectáculos ou ritos con bovinos no mundo antigo

A relación do home co boi e coa vaca variou dende que o mundo é mundo. Como acabamos de ver, no principio debeu de se-la caza, na procura de carne para alimentarse. Máis tarde a humanidade debeu

---

8 *Tertium est genus eorum, qui uri appellantur. Hi sunt magnitudine paulo infra elephantos, specie et colore et figura tauri. Magna vis eorum est et magna velocitas, neque homini neque ferae quam conspexerunt parcunt. Hos studiose foveis captos interficiunt. Hoc se labore durant adulescentes atque hoc genere venationis exercent, et qui plurimos ex his interfecerunt, relatis in publicum cornibus, quae sint testimonio, magnam ferunt laudem. Sed adsuescere ad homines et mansuefieri ne parvuli quidem excepti possunt. Amplitudo cornuum et figura et species multum a nostrorum boum cornibus differt. Haec studiose conquisita ab labris argento circumcludunt atque in amplissimis epulis pro poculis utuntur* (CAESAR: *De Bello Gallico* 6,28).

9 SG-JM din *Los cálculos señalan que la velocidad media a la que puede llegar a desplazarse el mamífero* [bovino] *es de unos veinticinco kilómetros por hora si se tiene en cuenta que a las* [vacas] *del monte no hay quien las pille y las que tienen unas ubres de setenta kilos –que albergan cuarenta o cincuenta litros [...]- se caerían a los dos minutos del 'sprint'*.

10 Do mesmo xeito que fixera Pirro, rei dos Epirotas, cando, para defende-los tarentinos, utilizou elefantes coa idea de esnaquiza-la liña de ataque dos romanos; cousa que tamén os cartaxineses fixeron contra os romanos*: Pyrrhus, Epirotarum rex, pro Tarentinis adversus Romanos eodem modo elephantis ad perturbandam aciem usus est. Poeni quoque adversus Romanos frequenter idem fecerunt. Volscorum castra cum prope a virgultis silvaque posita essent, Camillus ea omnia, quae conceptum ignem usque in vallum perferre poterant, incendit et sic adversarios exuit castris* (FRONTINVS: *Strategemata liber* IIII).

11 *Hannibal, ut iniquitatem locorum et inopiam instante Fabio Maximo effugeret, noctu boves, quibus ad cornua fasciculos alligaverat sarmentorum, subiecto igne dimisit; cumque ipso motu adulescente flamma turbaretur pecus, magna discursatione montes, in quos actum erat, collustravit. Romani, qui ad speculandum concurrerant, primo prodigium opinati sunt; dein cum certa Fabio renuntiassent, ille insidiarum metu suos castris continuit: barbari obsistente nullo profecti sunt*. (FRONTINVS: *Strategemata* 1,5). *Namque obducta nocte sarmenta in cornibus iuvencorum deligata incendit eiusque generis multitudinem magnam dispalatam immisit. Quo repentino visu obiecto tantum terrorem iniecit exercitui Romanorum ut egredi extra vallum nemo sit ausus. Hanc post rem gestam non ita multis diebus M. Minucium Rufum, magistrum equitum pari ac dictatorem imperio, dolo productum in proelium fugavit* (CORNELIVS NEPOS: *Hannibal* 5).


12 Diferentes localidades de Aragón, Cataluña e Valencia. Luís Seoane pintou o álbum *O touro Xúbilo* onde representa o touro con lume nos cornos (APN6:71) que parece aludir ó touro de Medinaceli.

percibir que a domesticación dos bovinos era posible e que a forza deles podía facilitar moito a agricultura e o transporte. Posiblemente a utilización da forza de tracción animal sexa anterior ó invento da roda, vendo que en diferentes países aínda quedan trazas do traslado de grandes pedras en zorras tiradas por bois.

Cando unha actividade tradicional queda superada por innovacións técnicas, adoita converterse en competición deportiva, en rito simbólico ou en espectáculo estilizado. Asentada a gandería bovina en Galicia tralo neolítico, a caza e a domesticación destes animais pasou a ser unha lembranza que, sen que saibamos cando, empezouse a celebrar con ritos e espectáculos de tauromaquia.

Espectáculos con bois hóuboos dende moi antigo e isto sabémolo, entre outras cousas, pola pintura e a escultura prehistórica e antiga. As cazatas de bisontes que no 12000 a.C. se pintaron nas paredes da cova de Altamira foron rito ou espectáculo, ou as dúas cousas. O mesmo podemos dicir das corridas acrobáticas nas que un home (ou, se cadra, unha muller) salta por riba do boi tal como se ve no fresco do pazo de Cnossos en Creta e que se data entre 1500 e 1400 a.C. (ver 11.3.3.). É posible que tamén teña que ver coa tauromaquia unha pintura do Sahara, concretamente en Tassili n'Ajjer datada no 8000 a.C., e que se parece algo á de Creta.


Precedentes máis seguros son dúas representacións hispanas. A primeira é unha cerámica de Llíria (Valencia), datada no primeiro milenio a.C., na que parece verse xa un toureiro que se enfronta a un boi cunha especie de sacho: tense dito que é a máis antiga representación do toureo actual (PVi:67) [13] e está no Museu de Prehistòria de València, a quen agradecémo-la magnífica imaxe, e onde o denominan *Vaso de la doma.* Jaime Vives Ferrándiz dinos que no Museu interpretan esta imaxe como unha escena de doma ou simplemente cita do animal para algo: ¿caza? ¿xogo? ¿demostración de habilidade ou valor?



Vaso da doma de Llíria (Museu de Prehistòria de València).


A segunda era un relevo descuberto en Clunia en 1774 no que disque aparecía un home vestido co *sagium,* con escudo e espada fronte a un boi en actitude de embestir: hai tempo que desapareceu ese relevo pero polas descricións que quedan podería se-lo máis parecido ó toureo español actual (MMP:304) (BM2:33).

[13] Algúns queren ver un toureiro que afronta un boi manexando cunha man unha capa e coa outra o que parece unha maza. A calidade da fotografía permite ver que non hai tal capa, que a presunta capa é realmente o recheo feito polos restauradores dun fragmento que faltaba.



Vaso da doma de Llíria (Museu de Prehistòria de València). Detalle.

Pero a pintura e a escultura prehistóricas e antiga ofrecen testemuños doutro tipo. Así vemos un león atacando un boi no 3000 a.C. en Uruk (Mesopotamia); vémolo no segundo milenio a.C. en Tebas (Exipto), no 1500 a.C. en Cnossos (Creta), no 1300 a.C. en Spata (Grecia) e en Enkomi (Chipre); vémolo no 600 a.C. en Siracusa (Sicilia), no 500 a.C. en Persépolis (Irán). Algúns afirman que aí se simboliza o enfrontamento de forzas cósmicas e divinas e, polo tanto, serían imaxes relixiosas. Outros afirman que reproducen simplemente espectáculos de circo, coma un mosaico romano de Zliten (Libia) do 300 d.C. no que un oso, controlado por unha cadea, afronta un touro. Espectáculos que inclúen animais atacando os bois hóuboos mesmo en Inglaterra na Idade Media.



Mosaico romano anterior ó ano 90 d.C. (Museo Jamahiriya, Trípoli).

Dende a Galicia do século XXI interésannos tres tipos de espectáculo con bois: o enfrontamento de dous machos entre eles, a acción de facer que o boi corra por onde nós queremos ata cansalo para domealo, e o toureo con morte do boi ó estilo español. Eses espectáculos teñen raíces antigas, porque Galicia non naceu hoxe, e son tamén resultado de innovacións locais que co paso do tempo se foron introducindo cando cambiou a sensibilidade social e cando os novos gustos fixeron máis atractivo un aspecto ou outro. E para entende-lo que temos hoxe, pode ser útil lembrarmos seis ritos ou espectáculos antigos: a caza e comuñón do sangue do boi atlántico, a corrida Tesalia, a taurocatapsia cretense, as loitas de bois nas Xeórxicas, os sacrificios rituais de bovinos entre gregos, romanos e celtas, incluído o coñecido como taurobolium mitraico.

11.3.1. Caza e comuñón do sangue do boi atlántico


Platón en dous diálogos (*Timeo* 21 ss.; *Critias* 108 e ss.) recolle relatos moi antigos que disque lle contara un sacerdote exipcio a Solón e nos que se falaba da Atlántida como unha illa que estaba no Océano, saíndo do Mediterráneo, fronte ás Columnas de Hércules; que era un lugar privilexiado en riquezas de todo tipo (vexetais e minerais), e que, no reparto do mundo entre os deuses, tocáralle a Poseidón; que este deus se namorou dunha moza orfa, de nome Clito que lle deu cinco parellas de fillos xemelgos; que do primoxénito, chamado Atlas, descendeu a raza dos Atlantes e que estes converteron aquel lugar privilexiado pola natureza nun lugar de avanzado urbanismo, cultura e comercio. Para o que ten que ver connosco, interesa o feito de que estes atlantes disque se axuntaban cada ano para faceren unha caza ritual do boi e que, rematada con éxito a cazata, comungaban bebendo o sangue do boi [14].

Desta tradición, tan próxima á xeografía ibérica, quizais debamos reter simplemente a ritualización da caza do boi: que se facía a festa anual e que se mataba o animal.

11.3.2. Taurocatapsia tesalia

Na Tesalia celebrábase antigamente unha corrida do boi, denominada *Taurocatapsia*, consistente en que homes a cabalo corrían detrás de varios touros, cansábanos e, cando os tiñan cansados, collíanos polos cornos e guindaban con eles no chan. Desta festa ritual, que daquela debía ser realmente un rito iniciático, queda algunha representación en mármore antigo. Plinio di que Xulio César introduciu as *taurocatapsias* en Roma. E Suetonio di que Claudio organizou festas de touros, ó estilo tesalio [15].

11.3.3. Taurocatapsia cretense



Fresco de Cnossos.

[14] Estes atlantes intentaron se-los amos do mundo pero caeron vencidos polos atenienses 9.000 anos antes de Platón, que supón que desapareceron engolidos por un cataclismo. Diodoro Sículo (*Bibliotheca Histórica* 3,54 ss) di que eran veciños dos libios e que foron as amazonas as que os venceron. Tamén falan deles Estrabón (*Xeografía* 2,102; 13,598) e mais Heródoto (*Historias* 4,184) (PG: s.v. *Atlantide*).

[15] *Praeterea Thessalos equites, qui feros tauros per spatia circi agunt insiliuntque defessos et ad terram cornibus detrahunt* (*De vita Caesarum. Claudius* 21,3).

É moi sonado o fresco do pazo de Cnossos en Creta que representa unha actividade acrobática executada sobre o lombo do touro. O fresco, como dixemos, parece ser de entre 1500 e 1400 a.C. Para uns, o que se ve é que, cando o touro ataca, os acróbatas (quizais dúas mozas e un mozo) primeiro cólleno polos cornos, despois fan un salto mortal encol do lombo do boi e despois chímpanse ó chan mirando ó animal. Tense dito tamén que pode se-lo movemento dun único atleta descomposto nas súas tres fases.

11.3.4. Loitas de bois nas *Xeórxicas* de Virxilio

O gando, como dixemos, sempre establece xerarquías, tanto entre vacas coma entre bois. Nunha manda por veces un macho desafía aqueloutro macho que ostenta a máxima xeraquía. Ctel1 dicíanos:

> *Os bois no monte pelexan por celos dunha vaca ou dunha manada, se é caso, un día enteiro; e pegan e agarran ata que un cede.*

O poeta latino Virxilio xa o dixera en verso latino pero case coas mesmas palabras no seu 3º libro das *Xeórxicas* (209-230) [16].

> *Pero o medio máis seguro para dar vigor, tanto ós touros coma ós cabalos, é telos apartados das femias e dos estímulos do cego amor. Por iso convén arreda-los touros das vacas, telos en devesas solitarias, ó outro lado dun monte ou dun río ancho, ou ben telos encerrados en presebes ben abastecidos, porque a vista das femias tíralles pouco e pouco as forzas e abrásaos, de xeito que nin se lembran dos prados nin das herbas. E sucede tamén que moitas veces ela, con doces afagos, impulsa os seus feros amantes a que se corneen entre eles con furor. Está a pacer nun prado extenso unha fermosa becerra e van eles e arremétense con poderoso pulo, facéndose numerosas feridas; negro sangue decorre polos seus corpos e trábanse cos cornos con espantosos bramidos que fan resoa-los soutos e o alto Olimpo. Os que unha vez competiron xa non poden parar xuntos nunha corte: o que quedou vencido el mesmo se desterra a apartados e descoñecidos lugares, chorando tanto a súa derrota e as feridas que lle fixo o soberbio vencedor coma a perda non vingada dos seus amores, abandona os prados no que dominaron os seus pais e volve á corte nativa pero é para restaura-los seus bríos con todo empeño. Tenaz no seu propósito de vinganza, pasa as horas tendido sobre os duros seixos, pacendo punzantes cardos e espiñentos carrizos. Alí exercítase en trucar furioso contra as toradas das árbores e en cornea-lo aire; e ensaia a pelexa, esparexendo coas patas nubes de po.*

Esta espontánea turra entre varios bois para decidir quen ten a autoridade da manda é o antigo precedente da *chega dos bois* no sur de Ourense e da *loita de bois* na etnia dos miao en China [17]. Tamén Fedro conta unha fábula moralizante da pelexa de bois [18].

---

[16] 209 *Sed non ulla magis viris industria firmat* / 210 *quam Venerem et caeci stimulos avertere amoris, / sive boum sive est cui gratior usus equorum. / atque ideo tauros procul atque in sola relegant / pascua post montem oppositum et trans flumina lata, / aut intus clausos satura ad praesepia servant*. / 215 *carpit enim viris paulatim uritque videndo / femina, nec nemorum patitur meminisse nec herbae / dulcibus illa quidem inlecebris, et saepe superbos / cornibus inter se subigit decernere amantis. / pascitur in magna Sila formosa iuvenca:* / 220 *illi alternantes multa vi proelia miscent / vulneribus crebris; lavit ater corpora sanguis, / versaque in obnixos urgentur cornua vasto / cum gemitu; reboant silvaeque et longus Olympus. / nec mos bellantis una stabulare, sed alter* / 225 *victus abit longeque ignotis exsulat oris, / multa gemens ignominiam plagasque superbi / victoris, tum quos amisit inultus amores, / et stabula aspectans regnis excessit avitis. / Ergo omni cura viris exercet et inter* / 230 *dura iacet pernox instrato saxa cubili / frondibus hirsutis et carice pastus acuta, / et temptat sese atque irasci in cornua discit / arboris obnixus trunco, ventosque lacessit / ictibus, et sparsa ad pugnam proludit harena*.

[17] http://www.elpais.com/articulo/agenda/China/importa/lidia/toro/elpporgen/20040316elpepiage_3/Tes/ [16.03.2004]. Nalgures lemos, sen que poidamos precisar onde, que en Cízico se celebraban unhas festas en honor de Poseidón nas que uns bois, previamente encirrados, pelexaban.

[18] Fedro adaptou ó latín unha fábula de Esopo que contén as cavilacións dunha ra vendo unha loita de bois (*pugna taurorum*) e ventando que o que perda vai volver furioso á fraga e acabará esmagando o máis feble que atope no camiño (que será irremediablemente ela), constata que "Os humildes sofren cando os poderosos discuten" (*Humiles laborant ubi potentes dissident. / Rana e palude pugnam taurorum intuens, / 'Heu, quanta nobis instat pernicies' ait. / interrogata ab alia cur hoc diceret, / de principatu cum illi certarent gregis / longeque ab ipsis degerent vitam boves, / 'Sit statio separata ac diversum genus; / expulsus regno nemoris qui profugerit, / paludis in secreta veniet latibula, / et proculcatas obteret duro pede. / Ita caput ad nostrum furor illorum pertinet') (Phaedri Augusti liberti fabularum Aesopiarum liber primus*, 30). O refrán tamén se encontra en África: *Cando dous elefantes pelexan, a herba do chan é quen perde*.

11.3.5. Outros xogos antigos cos bois

Diversos escritores antigos (entre eles Dion Casio) testemuñan que na Roma imperial houbo espectáculos de touros, coma tal en tempos de Nerón. E o gramático Asconio, comentando un discurso de Cicerón, di que se acirraba os touros botándolles monecos de palla e algúns pretenden que de aí vén a actual locución *home de palla* [19].

11.3.6. Sacrificios rituais de bovinos

Xa no eido da relixión, nos sacrificios rituais antigos había unha previa selección de reses para agradarlles ós deuses.

En Grecia só se sacrificaban os bois que aínda nunca ninguén xunguira. Tampouco en Roma se sacrificaban ós deuses os bois destinados á agricultura. Os espartanos inmolaban un touro ó deus da guerra (Ares), cando a vitoria era froito dunha arteirada; e un galo, cando a conseguían a viva forza.

Cando un militar romano volvía dunha batalla vitorioso a Roma, había veces que sacrificaba no Capitolio en honor de Xúpiter dous touros brancos da Umbría. Se non eran brancos abondo, abrancazábanos con xiz (*bos cretatus*). Os que non tiñan posibles para ofrecer un boi vivo, ofrecían unha imaxe de boi feita de fariña.

Os celtas, segundo escribiu Plinio o Vello arredor do ano 79 d.C., cando encontraban o visgo parasitando un carballo celebraban ó pé del unha cerimonia solemne para recollelo, porque o consideraban antídoto contra tódolos velenos e fertilizante de todo animal estéril e esta cerimonia incluía o sacrificio de dous bois brancos, que ese día tiñan por primeira vez unha corda nos cornos [20].



Suovetaurilia (Museo do Louvre).

[19] *Simulacra effigie hominum ex faeno fieri solebant quibus obiectis ad spectaculum praebendum tauri irritarentur* (Q. ASCONII PEDIANI COMMENTARII. *Pro Cornelio. De Maiestate* 62).

[20] O *visgo* é un arbusto que parasita outras árbores e cando parasita un carballo, os celtas consideraban que era unha panacea e o propio nome do visgo en celta significa iso para eles ("que cura todo"). É tan difícil encontra-lo visgo parasitando un carballo, que, cando daban con el, considerábano un sinal enviado polo ceo de que aquel carballo era sagrado. E recollíano nunha cerimonia solemne que facían o sesto día da lúa. Preparaban un banquete ó pé do tal carballo, achegaban dous bois brancos que ese día tiñan corda ós cornos por primeira vez; o sacerdote, vestido de branco, cortaba cunha fouce de ouro o visgo e recollíao nun pano branco. Despois inmolaban os dous bois rezando para que o visgo tivese toda a súa eficacia terapéutica. En infusión, disque facía fértil todo animal estéril e que era antídoto contra tódolos velenos. *Non est omittenda in hac re et Galliarum admiratio. nihil habent Druidae — ita suos appellant magos — visco et arbore, in qua gignatur, si modo sit robur, sacratius. iam per se roborum eligunt lucos nec ulla sacra sine earum fronde conficiunt, ut inde appellati quoque interpretatione Graeca possint Druidae videri. enimvero quidquid adgnascatur illis e caelo missum putant signumque esse electae ab ipso deo arboris. Est autem id rarum admodum inventu et repertum magna religione petitur et ante omnia sexta luna, quae principia mensum annorumque his facit et saeculi post tricesimum annum, quia iam virium abunde habeat nec sit sui dimidia. omnia sanantem appellant suo vocabulo. sacrificio epulisque rite sub arbore conparatis duos admovent candidi coloris tauros, quorum cornua tum primum vinciantur. Sacerdos candida veste cultus arborem scandit, falce aurea demetit, candido id excipitur sago. tum deinde victimas immolant praecantes, suum donum deus prosperum faciat iis quibus dederit. fecunditatem eo poto dari cuicumque animalium sterili arbitrantur, contra venena esse omnia remedio. tanta gentium in rebus frivolis plerumque religio est* (C. PLINIVS SECUNDVS: *Naturalis historia* 16,95, 249-251).

Centrándonos no occidente da Península Ibérica hai constancia dun sacrificio ritual dun touro con outros animais no Cabeço das Fráguas (sobre unha laxe no chan na Quinta de S. Domingos, freguesía Pousafoles do Bispo, municipio de Sabugal no distrito da Guarda): aínda que sexa o único caso certo, debemos mentalo, porque a inscrición que o lembra está redactada na lingua lusitana, non en latín:

> *unha ovella* [ofrecida] *a Trebopala, e un porco a Labbo, unha ovella de un ano a Trebaruna e un touro semental a Reua* [21].

11.3.6.1. Taurobolium no culto de Mitra e de Attis

O que agora imos contar lembra o xa citado ritual da Atlántida. Mitra era un deus persa e o seu culto era estritamente masculino; en Roma difundiuse maiormente en ambientes militares e contiña elementos que evocaban certas crenzas e ritos cristiáns. Rivalizou co cristianismo, entre outras cousas, porque se introduciu no mundo romano máis ou menos na mesma época.

O *taurobolium* era un rito de iniciación no que se degolaba un boi encol dunha reixa ou pedra con moitos buratos que cubría unha cámara inferior na que estaba a persoa que se iniciaba nesta relixión e que recibía así unha ducha de sangue bovino. Tense dito que isto ten algún parecido co bautismo cristián e co concepto de redención polo sangue de Xesús: *¿Ou ignorades que a cantos nos bautizaron para Cristo Xesús, bautizáronnos para unirnos á morte del? Enterrámonos, logo, con el polo bautismo para a morte, para que, como Cristo foi resucitado dos mortos pola gloria do Pai, así tamén nós camiñemos nunha vida nova* (Rom. 6,3-4). Pero o máis seguro é que, de haber influencias entre culto mitraico e cristianismo, sexan deste naquel, porque hai especialistas que sinalan que o *taurobolium* no culto de Attis aparece citado por primeira vez contra o ano 160 d.C, que empezou a ser unha consagración persoal a principios do século III d.C e que a idea dun renacemento por medio do *taurobolium* xorde contra a fin do século IV; é dicir, que, ó competir co cristianismo, que prometía vida eterna ós seus fieis, o culto de Cibeles elevou a eficacia do baño de sangue desde os vinte anos á eternidade [22].

11.3.6.2. Sacrificios humanos a Saturno en figura de boi na cultura cartaxinesa

O P. Sarmiento tiña unha idea propia sobre a orixe última do espectáculo das corridas de touros en España.

> *Es comun decir, que la corrida de toros, la hemos heredado de los mahometanos. Aun no he tropezado con la prueva. Y para congeturar que la hemos heredado de los antiguos carthagineses, âllo algun fundamento en su mithologia. Consta de los escritores antìguos, que los carthagineses, veneraban en particular à Saturno, y que le sacrificaban victimas humanas. Durò esta barbara, y diabolica costumbre asta Tiverio, que la prohivio. Los carthagineses, eran colonia de los Phenìcios; y asi de estos, y de otros orientales, tomaron esta perversa crueldad. Lo que podrà hacer al caso èS, que ese Saturno, se figuraba como un grande toro, hueco por dentro, en donde abìa fuego encendido que respiraba por 7 bocas; y en ellas ponìan los hijos, que sacrificaban à Saturno, que era el falso dios Moloch, de los ammonitas, del qual ay mucha noticia en la Escritura. Lease lo que el Pe. Kircher escribio de ese idolo Moloch, ò Saturno, desde la pag. 328 del tomo 8º de la Aedipo Aegypciaco; y alli el figuron de un toro* (FMS4:6872)
>
> *Ninguna duda que Cadiz, y el continente de la Andalucia meridional, son colonias de los phenicios y carthagineses. Y es muy creible que los andaluces conserbasen muchas costumbres, tomadas de aquellas naciones; ô moderadas, ô alteradas, ô confundidas. Entre esas seria la corrida de toros, en honor de Saturno; con el seguro de que no faltaran muertes, que hagan de sacrificios. Supongo, que en las corridas de toros de hoy, ninguno se acuerda de Saturno, ni de Moloch; ni tampoco del Dios verdadero; pues si se acordase, pocos irian à la fiesta. Y seria fiesta diabolica si aquel sacrificio de las victimas humanas, en el toro de fuego, se hiciese en publico. De ahí tomaria el exemplo, el yngenioso arbitrista de tormentos perillos, que inventò un toro de bronce hueco, para atormentar à un hombre, metido dentro, encendiendo al rededor mucho fuego; y que los gritos del paciente saliesen mas horrisonos, y lastimosos, por la boca del toro* (FMS4:6873).

---

[21] O texto, destruído nas últimas liñas, di: *OILAM . TREBOPALA . / INDI . PORCOM . LABBO ./ COMAIAM . ICCONA . LOIM / INNA . OILAM . VSSEAM . / TREBARVNE . INDI . TAVROM / IFADEM[.....] / REVE . TRE[.....]* "unha ovella [ofrecida] a Trebopala, e un porco a Labbo, unha ovella de un ano a Trebaruna e un touro semental a Reua". A lectura é aínda hoxe discutida, maiormente na terceira liña pero Antonio Tovar prefire deixar indefinida ese terceira liña e considerar que se fala de tres animais e tres deuses (non catro como hoxe sosteñen outros), co que os animais sacrificados serían catro: un porco, dúas ovellas e un touro, case igual cós *suovetaurilia* (porco, ovella, touro) que facían os romanos (ATovar:227-253).

[22] Edwin M. Yamauchi (1974): *La Pascua: ¿Mito, alucinación, o Historia?* http://www.sedin.org/propesp/pascua-vs-mito.html. Orixinalmente apareceu en *Christianity Today* 15-19.03.1974 [22.09.2009].

Como se ve, nas relixións antigas houbo diversos ritos que inevitablemente nos lembran algúns dos espectáculos ritualizados con bois e vacas de hoxe en día.

11.4. Algunhas festas relixiosas do boi na península ibérica

11.4.1. Festas do boi fóra de Galicia: o *toro de san Marcos* en Cacabelos, Plasencia e Arnedo nos séculos XVI e XVII

Como veremos na epígrafe 13.2.2.2.2., o boi é dende antigo o símbolo do evanxelista Lucas.

Con todo, en diferentes puntos de España (maiormente en Estremadura e Zamora pero tamén algo por Logroño) existiu a festa do *toro de san Marcos*. A explicación que se dá do cambio do león polo touro, é que os dous animais son o paradigma da ferocidade pero que aquí se colleu o boi bravo para asocialo con san Marcos, por ser imposible encontrar leóns na península ibérica.

> *aunque es verdad que á San Marcos, entre los cuatro evangelistas le es apropiado el león, y el toro a San Lucas, creo que se hace esta memoria en toro, por no haber león en España; y quien amansa un toro tan bravo, amansara un león si lo hubiera* [23].

San Marcos é o 25 de abril e cadra case co final do inverno. Ese 25 de abril é o día das ladaíñas ou rogativas maiores, que cristianizan a festa romana dese mesmo día (*Robigalia*), na que se percorrían os campos rezando e cantando para pedir para eles a protección celestial [24]. Pero, no noso caso, o que máis nos interesa é que nese día en Cacabelos (León), en Plasencia (Cáceres) e en Arnedo (Logroño) había importantes feiras de gando. E en Arnedo antigamente facían unha corrida á saída da misa e o cura era o primeiro en tentea-lo animal e despois o resto das autoridades. Era o *toro de san Marcos*.

Desta festa do *toro de san Marcos* ofrece detalles importantes o P. Feixoo no seu *Theatro critico*. Escribe o frade ourensán que en diferentes lugares de Estremadura os mordomos da Confraría de san Marcos (ou mesmo o párroco revestido dos ornamentos sagrados) ían ó monte onde estaba o gando e escollendo cos ollos o touro que lles parecía, poñíanlle o nome de *Marcos*, e chamábano en nome do santo evanxelista e o animal, esquencendo a súa natural ferocidade, deixaba a grea e baixaba con eles ata a igrexa onde asistía pacificamente ós oficios vespertinos (*Vésperas*); despois andaba de vagar polas rúas da vila, entrando nas casas e todo; e ó outro día asistía á misa dentro da igrexa. O caso é que na igrexa o boi disque estaba tranquiliño no medio da xente, que as mulleres o tocaban, que o acariñaban e que lle poñían nos cornos flores e bolos de pan. Naturalmente, por veces dábase o caso de que en plena misa o animal deixaba caer unha bosteira; pero a misa solemne seguía entre as risas da xente.

> *La gente mira más al toro que al Sacerdote y Altar; o por mejor decir, en el Toro pone toda la atención; muchachos y muchachas están en continuados juguetes con el: con esta ocasión, todo el Templo incessantemente resuena con risadas; y no pocas veces el Sagrado Pavimento se ensucia con las inmundicias del bruto* (Th.Cr. t.VII,disc.8, §3,p.204,8).

Tamén en Las Brozas (Cáceres) había o mesmo rito no século XVI. O mordomo, escollendo o boi no monte dicíalle: -*Marco, amigo, ven conmigo a las Broças, que de parte de San Marcos te llamo para su fiesta*. Tamén aquí as mulleres enfeitaban o boi e paseábano pola vila e o animal ía tranquiliño na procesión e mesmo torcía espontaneamente a cabeza nun paso estreito para que lle pasasen os cornos.

O papa Clemente VIII prohibiu este rito en 1598 pero consta que en 1608 aínda o seguían facendo.

Que o animal estivese tan manso no medio da xente no día de san Marcos explica esta fórmula galega: *Meu San Marcos, que amansas os bois bravos, amánsame este fillo, que é pior có trasno*. As corridas de Noia son tamén polo san Marcos.

A tranquila presenza do boi no medio da xente pola rúas da vila era ocasión de presaxios. Julio Caro Baroja (JCB), a quen seguimos nesta epígrafe, conta que a xente cría que, cando o cura ou o mordomo

---

[23] Fray Francisco de Coria: "Descripción e historia general de la provincia de Extremadura..."; Sevilla 20.1.1608. Citado por JCB: 101.

[24] Era un día tan importante que en puntos de Castela ese día presaxiaba o tempo que había predominar no xaneiro do ano seguinte e os once días seguintes o tempo que faría o resto do ano; e a este sistema chámanlle *las cabañuelas*: o mesmo cás nosas *sortes*, calculadas nos doce primeiros días de xaneiro ou as *resortes,* calculadas cos días 13-24 de xaneiro.

chamaban o boi no monte polo nome de Marcos, se o boi non obedecía ou mesmo bruaba ameazante, era que o cura estaba en pecado mortal ou que o mordomo era de recendencia xudía. Tamén daban por sentado que, cando, rematadas as vésperas, sacaban o boi a pasear pola vila e o facían entrar nas casas, se non entraba nunha, era que alí ía haber unha desgraza.

Rematada a misa e a procesión o día de san Marcos, o mordomo dáballe cunhas varas e o animal saía á carreira monte arriba e recuperaba a súa tradicional bravura. Parece que eran as mesmas varas con que o chamaran o día anterior no monte.

Este é simplificado o relato do costume que contan o P. Feixoo no século XVIII e Caro Baroja no XX.

Pero o P. Feixoo, coa súa obsesión científica, non se conformou co que lle contaban e analizou o misterio deste sorprendente comportamento do boi bravo no medio da xente. E dá tres explicacións posibles: unha, que xa os romanos dicían que, atándolle-lo xeonllo dereito cunha faixa, os bois perden a súa bravura [25] e que, se cadra, iso era o que facían os estremeños. A outra é que o emborrachaban con viño e que non lle daban de comer nin de beber outra cousa neses dous días e que, polo tanto, o animal, máis que manso, estaba atordoado. Pero Feixoo aínda obtivo unha terceira explicación de testemuñas de vista: que o boi non era un boi calquera, senón un boi que xa o criaban manso dende becerriño (*Th. Cr*. VII, VIII, § 9,217,38). Sexa cal for, o P. Feixoo conta que noutros lugares de Estremadura, nos que tamén se facía este rito do *toro de san Marcos*, o animal alborotouse e botou a correr tirando con todo, santos e xente, e deixando, por veces, feridos e mortos (*Th. Cr*. VII, VIII, § 9,218,41).

Ó etnógrafo Julio Caro Baroja, en cambio, máis que descubri-la razón da mansedume do boi de san Marcos, o que lle interesa é saber como puido nacer ese ritual. E fai unha observación curiosa: esa zona occidental de España, na que se facía o rito do *toro de san Marcos,* corresponde á antiga Lusitania na que a romanización foi intensa pero foi obra de cidadáns e escravos romanos que en boa parte procedían de Grecia. Sábese non só polas sinaturas de certas obras artísticas senón polos nomes gregos das persoas que figuran nas inscricións funerarias ou relixiosas.

Caro Baroja lembra que entre os gregos o culto a Diónisos, deus do viño, era intenso e tradicional. Os romanos a este deus chamábanlle Baco ou Liber. E hai numerosos indicios de culto nesa zona a ese deus. Sospeita que o rito do *toro de san Marcos* podería ter algo que ver co rito dionisíaco das bacantes. Diónisos, como é sabido, é o deus do viño e tamén se representa con cornos; percorre os camiños nun carro tirado por leóns, con pelo adornado con acios de uvas, agasallado por mulleres que danzan arredor del; o seu atributo é o tirso (un ramallo feito con piña, follas de parra e hedra).

A asociación de Diónisos co león cadra literalmente coa de san Marcos co león. Pero JCB cita numerosos textos gregos e latinos nos que Diónisos tamén se identificaba co touro, de xeito que lle chamaban *deus nacido dun touro, deus que ten forma de touro, deus con faciana de touro, deus con cornos de touro.*

Polo tanto a asociación de san Marcos co boi (en vez de co león), para a que xa demos unha posible explicación, pode estar repetindo a substitución do león polo boi que xa se dera co deus grego Diónisos.

Caro Baroja suliña tamén o feito de que a xente consideraba sagrado o touro durante os festexos, porque o identificaba co santo (san Marcos) e que isto mesmo tamén acontecía en Grecia (identificación do animal con Diónisos). Engade que as varas con que os mordomos guiaban o boi dende o monte á vila e con que, acabados os oficios, o botaban da vila para o monte poderían se-la pervivencia do *tirso* dionisíaco.

Para un lector galego hai en todo isto algo que nos fai pensar na festa do boi de Allariz. Pero, nótese que non é posible que a festa do Corpus caia no 25 de abril. Un dos anos nos que a Pascua caíu máis cedo (23 de marzo no 2008), o Corpus foi o 22 de maio. Pero JCB ofrece no seu erudito artigo outra información: en Marsella tamén se facía no século XVIII unha festa do boi, algo parecida, na que levaban polas rúas da vila con moita música un boi adornado, e que alí as mulleres facían que os meniños bicasen o boi; e esa festa marsellesa facíase no día de Corpus. Así que JCB relaciona esa festa, á que estudosos marselleses lle atribúen orixe grega (Marsella foi colonia grega nos tempos antigos), con outra festa de Loreto Aprutino (Pescara, Italia) no luns da Pentecoste, na que saía un boi engalanado e sobre el ían uns meniños vestidos de anxos e todo acompañado con música de gaita (JCB:111-112). Estas dúas noticias si que nos fan pensar por unha banda no *Boi de Allariz* e por outra nas *Penlas de Redondela* [26], dous rituais ancestrais da festa do Corpus en Galicia.

---

[25] O gandeiro tradicional galego aínda inmobiliza os animais pouco mansos atándolle-la pialla arredor da pata: véxase 9.3.2.1.

[26] As penlas, probablemente do latín *pennulas* que significa "ás pequenas", son unhas meniñas que teñen unhas ás, coma anxelotes, e que van na procesión de pé enriba dunhas mulleres que danzan durante a procesión. Algúns, como Clodio González Pérez, pensan que estas penlas son simple pervivencia da festa dos maios que se trasladou á procesión do Corpus.



Procesión na festa da Pentecoste en Loreto Aprutino (Giovanni Lattanzi, www.inabruzzo.it).



As Penlas de Redondela (www.peirao.com).

11.4.2. Festas relixiosas do boi en Galicia

11.4.2.1. Século III: ¿un taurobolium mitraico en Bóveda (Lugo)?


Vistos estes precedentes, empecemos a analiza-los ritos e espectáculos con bovinos en Galicia iniciando pola antigüidade.

O culto ó deus Mitra estendíase, como dixemos, entre os soldados romanos na época en que Roma asentou definitivamente o seu poder na Gallaecia. Cos soldados chegou o culto á Gallaecia.

En Lugo atopouse unha ara votiva dedicada a Mitra do tempo do emperador Caracalla (211-217) que di *INVIC(to) MITHRAE G(aius) VICTORIUS VICTORINUS C(enturio) L(egionis) VII G(emina)*

ANTONINIANAE P(iae) F(elicis) IN HONOREM STATIONIS LUCENSIS ET VICTORIORUM SECUNDI ET VICTORIS LIB(ertorum) SUORUM ARAM POSUIT LIBENTE ANIMO (Gaio Victorio Victorino, centurión da Lexión Séptima Xémina antoniniana, pía, feliz, dedicou de seu esta ara ó deus invicto Mitra, pedíndolle a protección da oficina de impostos lucenses e dos libertos, membros da súa familia, a dos Victorios, Segundo e Vítor).

A confirmación do culto de Mitra en Lugo nos inicios do século III suxeriu unha interpretación nova para o misterioso edificio de época tardorromana de Santa Eulalia de Bóveda de Mera (Lugo), descuberto en 1926 e en boa parte subterráneo, para o que se propuxeran diferentes explicacións. Unha das últimas interpretacións é que puido ser un lugar no que se realizase o rito de iniciación ó culto mitraico sacrificando un boi de xeito que o sangue caese encol do corpo do devoto, que estaba na estancia de embaixo, para someterse a este rito de iniciación (*taurobolium*). A seguinte ilustración trata de explicar como era ese rito e simultaneamente explica-lo enigma desta construción romana existente en Santa Eulalia de Bóveda de Mera. Pero, como xa dixemos, hai quen sitúa no século IV o inicio da práctica do *taurobolium* e, por parte, segundo unha testemuña de vista, parece que o que hoxe se ve en Bóveda difire lixeiramente do que se viu cando se iniciou a escavación.



Esquema dun posible rito do taurobolium en Santa Eulalia de Bóveda, Lugo (Sánchez-Montaña, Carlos: *Investigación sobre el conjunto monumental de Santa Eulalia de Bóveda en Lugo*).

11.4.2.2. O boi nas procesións do Corpus simboliza o demo

Na Idade Media as imaxes (pictóricas ou escultóricas) e os ritos facían o papel que hoxe poden face-los libros: eran medios de transmitir unha doutrina; eran a *biblia dos pobres*. E nesa época o demo representábase en figura de touro, de león, de dragón, de serpe, de can ou de lobo [27]. Nos *Milagros de Nuestra Señora* Gonzalo de Berceo (1197-1264) presenta o demo en figura de touro:

[27] Aínda que o touro tamén simboliza o contrario: Xesús Cristo. *Tauro llamaron en latín al ssegundo ssigno, que quiere tanto dezir en el nuestro lenguaie commo toro. Et esto ssigniffica a Nuestro Ssennor Ihesu Cristo por vii rrazones: que el toro es bestia ffermosa e que es ffuerte; e ardido; que ssabe bien acabdellar ssus uacas e los otros ganados de ssu natura que con él andan; que escoge las aguas claras e buenas; que quando ffalla buen pasto, adelántase a paçer ssienpre; et quando truena, cata ssienpre al çielo. Et estas cosas ouo en ssí ssienpre Ihesu Cristo conplidamiente. Que assí commo el toro es bestia ffermosa, assí el Nuestro Ssennor Ihesu Cristo ffué el más ffermoso omne que en el mundo naçiesse entre los omnes, ssegunt dixo el Propheta; et esto non tan solamiente en color e en ffaçión e en conponimiento de mienbros, mas aun en ffablar e en contenente e en todas las otras obras que auya de ffazer, de guisa que quantos le ueyen eran dél pagados, e aun aquellos quel buscauan mal e muerte por enbidia quel auyen, ca non por cosas que él mereçiese* (http://corpus.rae.es/cgi-bin/crpsrvEx.dll [15.02.2009]).

Quisoli el diablo zancajada poner, / Ca bien se lo cuidaba rehez-mientre vençer. / 775 En figura de toro que es escalentado, / Cavando con los piedes, el çeio demudado, / Con fiera cornadura sannoso e yrado / Paroseli delante el traydor probado. / Façieli gestos malos la cosa diablada, / Que li metrie los cuernos por media la corada / Príso el omne bueno muy mala espantada, / Mas valiol la Gloriosa reyna coronada (20, 775).

No século XIII créase a festa do Corpus Christi [28] e no XV en certas procesións relixiosas figuraba un boi, como se percibe, polo menos, nalgunhas de Ourense en 1437 (AA: II-104b/118; II-138/145):

Iten, primeiramente, que a confraría dos carniçeiros ***con seu touro*** *que ande de diante con seus ofiçios, segundo que an acostumado* [...] *Iten, que ordenaba e mandaba que a confraría hordenada aa onrra da benabenturada Santa María Madanela, ordenada por los carniçeyros da dita çibdade, que andasen* ***con seu touro*** *e jogos en cabo e en fin das outras confrarías.*

Que o boi que vai na procesión sexa agasallo do gremio dos carniceiros, podería indicar que era o símbolo gremial, pero, coherentemente co que vimos en Gonzalo de Berceo, o P. Sarmiento escribe (o día 27.8.1750) que o boi é un símbolo paralitúrxico e compárao coas entradas triunfais na antiga Roma nas que os militares vencedores entraban na cidade procesionalmente levando diante deles os vencidos e os tesouros incautados. Pois do mesmo xeito - di Sarmiento [29] - na procesión do Corpo de Cristo, Deus e os santos levan diante o vencido Demo e as forzas de mal, e este Demo e estas forzas do mal van simbolizadas en animais ou outros elementos; polo tanto o boi representa o Behemot [30] do que se fala no libro de Xob. A cita é longa pero merece reproducirse íntegra para darlle luz á tradición de Allariz.

... *Digo que no he leido monumento alguno del qual conste el primer origen de sacar Gigantones en las publicas solemnidades, y su primitiva significacion.*[...] *En todos los siglos, y aun en nuestros tiempos, se ha usado y usa sacar al publico, en los publicos festejos, no solo las representaciones de lo que ha motivado la fiesta; sino tambien las que puedan servir para hacer burla, mofa, y escarnio de los enemigos, y de sus cosas. Esto se hace en las fiestas, y triumphos que celebran aun las mas bárbaras naciones del orbe. Se hacia en los triumphos que celebraban los Romanos.*

Al bolver triumphante David, por haber degollado al Gigante Goliath, *traiendo, como en triumpho, la caveza, salieron infinitas mugeres à celebrar el triumpho; diciendo, como es creible, mil baldones contra el* Goliath *vencido, y cantando mil loores â David, como que en la muerte de uno, havia muerto ô vencido â Diez mil:* percussit David decem milia.

En los triumphos Romanos iban, ô en persona, ô, en estatua*, los Reyes, Capitanes y personas, que hauia vencido el que triumphaba. Y quando no eran personas, como* Rios, Montes, Reynos, Provincias, Ciudades *etc. se hacía una tal qual representacion en estatua, y salia delante de la cavalgada triumphal.* [...] *La principal procesion eclesiastica en los doze siglos primeros, era la de* Ramos*, y en especial en el Oriente. Del Santisimo sacramento no habia mas celebridad publica, que en la Semana Santa pero como esta era penosa, y funebre, se instituio en el siglo decimo tercio una gloriosa fiesta, en obsequio del Santisimo Sacramento que es la que aun los Franceses llaman* Fiesta de Dios*; Y nosotros, fiesta del* Corpus Christi.

Esta fiesta se instituyó con la circunstancia de que cada año habia de salir en publica procesion, por las calles, descubierto, y patente el Santisimo Sacramento *con toda la solemnidad posible. En los primeros años, que se hizo la procesion, todos los pueblos se esmeraron en publicos regocijos, y en celebrar tan magnifica nueba solemnidad, con todo genero de representaciones alusivas â tan alto misterio.*

Concordaron todos en imaginar, que en dicha procesion salia Christo Señor nuestro sacramentado, como en pompa y en triumpho; despues de haber vencido al pecado, al Demonio, y aun â la misma muerte; y de haver redimido y livertado â su pueblo de aquella triplicada tinaría. A aquel unanime consentimiento no se siguio un

---

[28] A festa naceu en Liexa en 1246 e o papa Urbano IV estendeuna á toda a cristiandade pola Bula *Transiturus* (8.9.1264).

[29] *Respuesta dada por el Docto R.P.Fr Martin Sarmiento del Orden del Grande P. San Benito sobre 'Los Gigantones que se solian sacar en las Procesiones'*, Manuscrito da The Hispanic Society of America (HC397-393). Agradecemos a Henrique Monteagudo o acceso a este texto.

[30] *Mais olla para o hipopótamo, / a quen eu fixen igual ca ti; / pace na herba coma os bois; / pero observa a forza dos seus lombos, / a potencia nos músculos do seu ventre. /Ergue o rabo coma un cedro, /os tendóns das súas coxas entretécense; / ten os ósos coma tubos de bronce, /articulacións coma varas de ferro: / é do mellor que Deus produciu, / só o creador pode aplicarlle a espada [...] ¿Quén poderá amarralo de fronte ou furarlle o nariz por máis que estea no cepo?* (XOB 40,15-19; 24). Rodríguez Herranz comenta na tradución galega da Biblia (SEPT 1992,633) que a este monstro se lle dá o nome de Behemot e Leviatán e que evoca os grandes monstros mariños do caos, pero a descrición coincide coa do hipopótamo e a do crocodilo. Behemot podería ser hebraización do exipcio *pa-ih-mev* (boi das augas).

uniforme modo de celebrar dicho triumpho; pues cada nacion, ò pueblo inventó, añadió, y varió en las externas representaciones de la pompa. [...] Aludiendo al texto, quasi navis institoris de longe portans panem suum [31] *el famoso Gremio de Mareantes de Pontevedra, costea para que vaia en la procesion delante, y en ruedas un Navio mediano, pero con todos los aparejos de un Navio de alto borde, y con gente dentro. Aludiendo a la Arca del* Testamento *y a lo mucho que David se gloriaba de ir vailando delante de ella quando la llevaban en procesion, se introdujeron en la del* Corpus *las* Danzas *que, sin razon, nos censuran los estrangeros.* [...] *En* Noya*, para significar la trinidad lleva un sacerdote, en una Bara* tres cabezas *iguales, y parecidas; en* Pontevedra *para significar a los seraphines, que se suelen pintar, obsequiando al Sacramento van dos niños vivos, y mui hermosos, vestidos de angelitos, y de pies sobre los hombros de los Jayanes, los quales jamas paran en la procesion, y por lo comun andan alrededor de la custodia haciendo al sacramento mil donosuras obsequiosas; y todo esto está a cargo y gremio de las Panaderas, aludiendo al Pan, ô, trigo.*[...] *Lo mas comun en nuestra España para significar al Diablo vencido, es la* tarasca*, que en si significa serpiente. Asi, la tarasca de Madrid, que se entiende por aquella* muger*, que va en ella, es impropiamente llamada* tarasca*; y solo es tarasca la parte inferior de aquel Armatoste con su cabeza y cola.*

En Galicia, y en especial en Pontevedra, no se llama tarasca*, sino* Coca*, y es nombre mas proprio para lo que representa en la procesion del Corpus. Es corriente que el* Leviathan *de la Scriptura significa al Demonio, a quien vencio Christo. Es comun entre los auctores, que el Pez Leviathan es el mismo* Crocodilo*. Consta de los instrumentos castellanos del siglo* Decimo tercio*, que el* Crocodilo *se llamaba en castellano* Cocatriz*. La caveza la* Coca *de* Pontevedra *no tanto es de serpiente, como de* cocatriz*, ô Crocodilo, y por consiguiente del* Leviathan*, que Christo venció [32].*

Esta victoria todos los años se representa; pues esperando la Coca *en una grande Plazuela a que llegue alli el* Navio*, se arma entre los dos una pelea mui reñida; pero ya se sabe que los del Navio han de salir siempre victoriosos, y que han de destrozar a la* Tarasca.

En otras partes de Galicia, y Asturias no va tarasca *sino un* Buey *enmaronado, para diversion del vulgo. Este Buey alude al animal* Behemot*, de la Scriptura, en el qual tambien se significa el* Demonio*, a quien vencio Christo [33]. En vista de lo dicho, ya no es dificil congeturar la significacion de los* Gigantones*. Quando se instituio la publica procesion del Corpus, estaban mui creidos los* Gigantes*, vestiglos,* endriagos, enanos*, etc. que vencian los cavalleros andantes, pues estaban frescas las conquistas de Ultramar, y mui ardiente la credulidad de aventuras.*

La pelea que los Gigantes tubieron con Jupiter, y la victoria que este consiguio de ellos era un simil bueno para significar la Victoria, que Christo havía conseguido de los Demonios. Así, digo, que los Gigantones representan á todo el Infierno junto vencido, y que por eso salen en triumpho en la Procesion del Corpus*; y despues, sin venir al caso, se sacan en otras fiestas. Esto es lo que se me ofrece responder y conjeturar.*

Esta explicación de que o boi que vai na procesión do Corpus *alude al animal Behemot, de la Scriptura, en el qual tambien se significa el Demonio, a quien vencio Christo* parécenos transcendental, porque podería ser esta a orixe de certos espectáculos taurinos, maiormente dos que implican violencia co touro por parte do pobo espontáneo.

En diferentes relixións existe a mata profiláctica dun animal (sacrificio de substitución) ó que previamente con rezos se lle transvasaron os propios pecados, de xeito que despois, eliminando o animal, elimínanse os pecados. Na Biblia aparece no Antigo Testamento: véxase o relato do sacrificio do chivo expiatorio (Levítico 16,21-22; 4, 22-26); tamén aparece no Novo Testamento que presenta Xesús como o año inmolado que quita os pecados do mundo (Xoán 1,29).

No noso caso, se o boi simboliza o demo, poderíase estar xustificando dende a relixión que o pobo, calquera persoa, persiga o boi, que o faga correr, que lle dea paus, que o aguilloe, que lle poña lume nos cornos. Sería unha especie de exorcismo: o boi estaría aí recibindo os malos tratos que o pobo intencionalmente dirixiría ó demo, como personificación do mal. O boi, no noso caso, sería o chivo expiatorio e a violencia contra el sería unha violencia vicaria, dirixida realmente ó Demo. A Coca, en Redondela, ou a Tarasca en Compostela tamén recibirán esa violencia dirixida ó demo, como veremos en 11.6.2.

---

31 "é coma os barcos mercantes, traendo de lonxe a súa mantenza". Cita bíblica: Proverbios 31,14.

32 En 1472 hai constancia dunha procesión semellante no Corpus de Lorca (Murcia) e alí ó dragón, que tiña corpo de réptil, varias cabezas, pes, ás, e que botaba fume pola boca, chamábanlle *drago, tarasca* e tamén *cucafiera*. Pero en Murcia as festas de Corpus tiñan corridas de touros (MARTÍNEZ, María (1987-1989): "Gastos del concejo lorquino para el corpus de 1742" en *Estudios Románicos. Homenaje al profesor Luís Rubio III.* Universidad de Murcia; 1687-1696).

33 Refírese ó demo. Véxase a nota anterior.

Esta observación de Sarmiento cadra co feito de que as corridas se empezan a documentar no século XIII (cando se institúe a festa do Corpus) [34]; cadra tamén co feito de que estes espectáculos nos que o pobo é actor (*corrida* implica "correr"), e co feito hoxe sorprendente de que as corridas tiveron importantes valedores no clero. O maltrato do boi sería así unha violencia vicaria que, co paso do tempo, a xente desacralizou e banalizou, alterando o ritual ata tirarlle toda referencia á súa orixe relixiosa.

Pero, aínda que resultase certa esa explicación, é obvio que no século XIII (e, se cadra, antes) xa hai nalgúns puntos de España corridas que parecen totalmente laicas. Polo tanto, tampouco podemos excluír que a Igrexa incorporase ós seus ritos paralitúrxicos elementos da cultura popular, enchéndoos dunha significación transcendental. Non sería nada novo, porque a Igrexa integrou os vellos cultos a fontes, pedras e árbores construíndolles ó pé un templo e dándolle novo contido teolóxico ás romarías milenarias.

11.4.2.3. Bois nas liturxias de Santiago e da Franqueira

En 13.3.4.1. imos ver que unha antiga tradición oral galega asegura que, cando os discípulos do apóstolo Santiago chegaron co seu corpo a Iria ou Padrón, pedíronlle á raíña Lupa, señora daquelas terras, un lugar onde enterralo. E que ela déulle-lo permiso se daban xunguido certos bois, que eran bravos, ó carro no que querían traslada-los restos do apóstolo. O caso foi que os bois deixáronse xunguir polas boas, coma se foran mansos, e andando antepostos, sen que ninguén os chamase, chegaron a onde está a cidade de Compostela e alí pousaron [35].

Esta tradición debeu de orixinar en Compostela algún tipo de rito paralitúrxico con bois, porque, como veremos, o Concello de Santiago en 1754 manifestoulle por escrito ó rei Fernando VI tres cousas: primeira, que a tradición de correr bois en Compostela remontábase case á descoberta do sepulcro (iso é o que significa o latinismo *invención*) no século IX:

> *Esta función dice alusión sagrada a los toros que de Iria Flavia, ahora villa de Padrón, condujeron a Compostela su apostólico cuerpo; y casi desde su maravillosa invención se continúa...;*

segunda, que é unha corrida diferente das que en España se teñen por tales:

> *solo en el nombre es de toros, quando en realidad no hay granjería de estos en Galicia, y que ni por el riesgo de la corrida, que no es agitación de fieras, que es solo de quatro bueyes que, corridos, se destinan al abasto público*

e, terceira, que a antigüidade da festa remóntase case á descoberta do sepulcro de Santiago en Compostela no 813:

> *la fiesta que se hace en esta ciudad la víspera del Gran Apóstol Patrón de las Españas, Señor Santiago, cuya función se ha hecho siempre, casi desde el tiempo de la invención de su sagrado cuerpo* (PPC:309).

Esta afirmación busca o privilexio de celebrar unhas corridas que o rei acaba de prohibir para toda España. Como non achega documentación que a acredite, non podemos dala por segura e temos que considerala unha tradición local. En calquera caso, de ser certa, presenta a corrida como un rito con significación relixiosa, é dicir, dálle un carácter de acto paralitúrxico e sitúa no ámbito relixioso a orixe das corridas (polo menos en Galicia). Por outra banda, ese texto dun organismo oficial compostelán afirma de maneira explícita que a corrida compostelá á altura do século XVIII era distinta do que en España daquela e hoxe se entende por *corrida de toros*.

Non sabemos en que consistiu inicialmente ese rito compostelán pero é probable que fose unha procesión que abría un carro de bois: algo semellante ó que aínda hoxe se celebra na Nosa Señora da Franqueira o día 8 de setembro e que describimos en 13.3.4.2. Tamén na Barca de Muxía houbo bois e presta ler en 16.2 os versos de García Lorca *Romaxe de Nosa Señora da Barca.* A transformación dunha procesión en corrida non é inverosímil pero é certamente radical [36].

---

[34] Hai quen sostén que o documento máis antigo é o Fuero de Madrid, datado entre 1141 e 1235, que veremos en 11.5.

[35] XLF3:72.

[36] O 16.08.2009 vivimos unha experiencia curiosa en San Martiño de Laxe (Moraña). Ese día sae o san Roque en procesión nun formato que pode ser antiquísimo, porque repite o ritual dos Fratres Arvales do tempo da fundación de Roma (753 a.C.): vai percorrendo á volta a parroquia enteira parando en tódolos lugares e, cando toca unha parroquia estremeira, as campás desoutra parroquia repenican saudando o santo veciño. O caso é que, pasado o lugar do Casal, hai que subir un monte e é precisamente aí onde están os homes máis fortes da parroquia para subi-lo santo e curiosamente é nese tramo onde a procesión acada unha maior velocidade. Velaí como un rito procesional se pode converter en carreira.

11.5. ¿Que é correr touros? ¿Cando se empezan a correr?

Aquel posible *taurobolium* de Bóveda e a presenza do boi, polo menos dende o XIII, nalgunhas procesións, son as únicas referencias a algo máis ou menos ritualizado con bois ou touros en Galicia que nós coñezamos.

¿Que é correr touros? Pois, inicialmente debía ser facelos correr ata cansalos de xeito que caesen ó chan e un poderlles toca-los cornos inocuamente: o que antes chamamos unha taurocatapsia (11.3.2. e 11.3.3.). ¿Haberá relación entre o boi de Allariz ou os *encierros* de Pamplona coas taurocatapsias antigas? Non o sabemos. ¿Onde se operou a transformación de caza en espectáculo? Nós tampouco o sabemos [37].

En calquera caso e en vista dos precedentes prehistóricos e antigos, é probable que dende o principio se realizasen cos touros xogos-espectáculos heteroxéneos. Cando en textos medievais encontrámo-la alusión a *correr touros,* seguramente se fala de varios tipos de espectáculos diferentes.

A primeira noticia que coñecemos está no *Fuero de Madrid* (1145-1235) [38], que na súa epígrafe CXII parece prohibi-las corridas dentro da vila; para entendelo, lémbrese que no castelán antigo *pechar* era "peitar, pagar"; que *viedar* é "vedar, prohibir"; e que os *morabetinos* son os maravedís, moeda da época:

> *Ad esto son abenidos los jurados & los alcaldes & los fiadores & el conceio de Madrit: Que todo el omne que vaca corriere dentro en la villa, o toro, peche III morabetinos a los fiadores; & quando la metieren la vaca o el toro a la villa, mentala atada con II sogas, la una a los cuernos & la otra al pie, & todo el omne que piedra o escarrocha tirare a la vaca o al toro & qui corriere en el coso con lanza o con astil agudo, peche II morabetinos a los fiadorres por cada cosa de lo que fiziere desto que la carta vieda* (www.rae.es [39]).

As *Cantigas de Santa María,* ese marabilloso códice escrito en galego en Toledo entre 1264 e 1284, ofrécennos un testemuño literal e gráfico do século XIII. A cantiga 144 menta un home de Pracenza (hoxe Plasencia) que fixo correr un touro bravo co gallo do seu casamento, aínda que a el non lle gustaba ir ás corridas nin sequera velas. O caso é que, por un mal movemento, o noivo aparece inesperadamente diante do animal e este bótase a el *por ll'os cornos pelas costas meter.* As imaxes que no códice do Escorial acompañan este poema revelan que aquela corrida xa era un espectáculo (vense homes e mulleres contemplándoa separados [40]) e que era cruel (os homes lánzanlle ó animal dardos e lanzas a esgalla). Santa María fai o milagre de acudirlle ó noivo (*acórreo*) e o animal tírase ó chan inofensivo (*E en tal guisa o acorreu / que o touro log'en terra caeu / e todolos quatro pees tendeu, / assi como se quisesse morrer*) e, polo que se ve, non morreu, porque engade que *E o touro s'ergeu e dessa vez / nunca depois a null'ome mal fez* [41].

Milagres á parte, un animal *corrido* (é dicir, picado por dardos e lanzas a eito) xa pouco pode vivir.

Na cantiga 31 tamén se fala de *levar de corrudas* un boi [42]. E na cantiga 351 fálase de que na festa de Santa María de agosto en Arconada (Palencia) todos porfiaban por achegar alegría: *quen soube luitar, luitou / e quen soube chacotares boos y os foi dicer // Outros ar corrian vacas / que fazian pois matar, / que cozia[n] en caldeiras / grandes e ianas dar / a pobres que as comessen*. Neste texto parece que a mata é

---

37 Algúns sosteñen que o berce das corridas españolas foi Navarra, sendo a primeira corrida en Pamplona en 1385 e isto explicaría a difusión do espectáculo polo sur de Francia, onde mesmo hai cría en Camargue e onde parece ser que a primeira corrida é de 1852 (BM2:51). Pero outros aseguran que xa houbo unha corrida en Ávila en 1080 (BM2:49).

38 Téñense aducido documentos presuntamente datados con anterioridade pero carecen de seguridade.

39 http://corpus.rae.es/cgi-bin/crpsrvEx.dll?visualizar?tipo1=5&tipo2=0&iniItem=1&ordenar1=3&ordenar2=0&FID=150210\012\C003O15022010121149565.944.940&desc={B}+{I}+toro{|I},+en+{I}1100-1300{|I},+en+todos+los+medios,+en+{I}CORDE+{|I}+{|B}{BR}&tamVen=1&marcas=0#acierto1[15.02.2010].

40 Curiosamente as mulleres non miran para o animal senón para os homes e entre estes algún frade tamén mira para as mulleres.

41 *Ond'un cavaleiro ben d'i casou / da vila, e touros trager mandou / pera sas vodas; e un apartou / deles, chus bravo, que mandou correr / Con razon é d'averen gran pavor... / / En hûa praça grande que y á / ant'a casa do que vos dixe ja / ome bôo. Mas ele d'ir alá / non sse pagava nen de o veer. / Con razon é d'averen gran pavor... / / Mas aquest'ome un conpadre seu / crerig'avia, per nome Matheu, / que enviou por el, com'aprix eu, / por cousas que lle queria dizer. / Con razon é d'averen gran pavor... / / E el sayu por yr alá enton; / e o touro leixou-ss'yr de randon / a ele polo ferir mui felon, / por ll'os cornos pelas costas meter. / Con razon é d'averen gran pavor... / / E o crerigo, quand'aquesto viu / dûa Fèestra, mercee pediu / a Santa Maria, e non falyu / por el, ca logo lle vêo valer. / Con razon é d'averen gran pavor... / / E en tal guisa o acorreu / que o touro log'en terra caeu / e todo-los quatro pees tendeu, / assi como sse quisesse morrer. / Con razon é d'averen gran pavor... / / E jouv'assi daquesta guisa tal / ata que o ome foi no portal / de cas seu conpadr', a que non foi mal / con el e foy-o na casa coller. / Con razon é d'averen gran pavor... / / E o touro s'ergeu e dessa vez / nunca depois a null'ome mal fez / pola vertude da Sennor de prez, / que aos seus non leixa mal prender. / Con razon é d'averen gran pavor / as bestias da Madre daquel Sennor / que sobre todas cousas á poder*.

42 *Dizend'esto aa noyte, / outro dia o vilão / quis ir vende-lo almallo; / mas el sayu-lle de mão, / e correndo de randon / foi a jornadas tendudas, / come sse con aguillon / o levassen de corrudas*.

posterior e distinta da corrida. Cousa parecida acontece cos outros dous textos en galego medieval que falan de corridas de touros: nos dous casos son corridas realizadas en Burgos e os textos son da tradución galega da *Crónica General*, datada entre 1295 e 1312:



Escena terceira das *Cantigas de Santa María*, nº 144.



Escena cuarta das *Cantigas de Santa María*, nº 144.

Os castelãos a hũu cabo alançauã et quebrantauã os tauolados, et os outros tragiã armas et bufurdauã; et en outro cabo ***corriã touros****, et os jograres outrosy faziã y o seu, (et) andando pela vila fazendo muytas alegrias* [43].

Et forõ y grandes alegrias ademays de lãçar a tauolados et de bofurdar et ***correr touros*** *et de jogar tauolas et açedrêches et moytos iograres* [44].

Observamos que aquí as corridas son un espectáculo laico, para o que a cerimonia relixiosa é só un pretexto. Aínda que a morte do animal non parece formar parte do espectáculo, este esgota o animal e facilita o posterior sacrificio. Na cantiga 351 explicítase que se mata para despois comer esa carne.

¿Estaba Galicia incorporada a estes espectáculos? A esta pregunta trataremos de responder na epígrafe seguinte.

11.6. Corridas entre os séculos XIV e XVII: Santiago, Allariz, Ourense e A Coruña

Din os entendidos que as corridas foron a cabalo ata o século XVI pero que no XVII a nobreza comeza a utiliza-los seus peóns e escudeiros para distrae-lo touro, cando eles precisaban cambiar de cabalo ou para rescatalos dunha caída, e que pouco e pouco estes auxiliares peóns adquiren responsabilidade e protagonismo ata aparece-lo toureo a pé. Vexamos, logo, onde detectámo-las máis antigas corridas e tamén se eses espectáculos incluían a tortura e morte do animal.

11.6.1. A mata de gando bravo nos montes de Compostela no XVI

A cidade galega que nalgún momento afirmou unha tradición taurina máis antiga foi Compostela (como vimos en 11.4.2.3.). Pero, deixando no aire a posibilidade das corridas dende o século IX, o dato máis fiable que coñecemos é o que ofrece contra 1536 o bacharel Olea: neses anos criábase gando en réxime de liberdade nos montes próximos a Compostela:

Ay alrededor de Santiago muchas cabañas de ganado bravo que huye de la gente, y son de dueños, e mátanlo con perros, y a caballo, a lançadas, e a pié, en pasos (XFV5:42) [45].

Por *gando bravo* nesas datas non se pode entende-lo que hoxe se entende nos dous terzos meridionais da península ibérica (*toros de lidia*), senón simplemente gando que vive en liberdade, que non se recolle diariamente nas cortes da casa rural. ¿Que di Olea? Que este gando se cazaba *con perros, y a caballo, a lançadas, e a pié, en pasos*. ¿Eran estas batidas a única forma de cazar ese gando para comelo ou había nesa caza algo de espectáculo innecesario? A información non dá máis de si. Nós pensamos que, máis ben, debe parecerse á *capea arraiana de Ribacôa* (Portugal, na fronteira con Salamanca) que é unha baixa dos bois ou curro de bois, pero xa con cabalos, motos, todoterreos, e mesmo con tractores. Lévanos a unha praza onde xogan a domealos e finalmente desándase con eles o mesmo camiño para que volvan sen mal ó mesmo lugar aberto de onde foran traídos [46]. Isto evoca as corridas que se fan cos cabalos e que coñecemos como *rapa das bestas* (Sabucedo) ou *baixa das bestas* (Amil) ou *curro* (Mougás), nas que non hai morte do animal [47]. No 2009 organizouse en El Piñero (Zamora) un *encierro motorizado* coma o portugués [48].

Veremos en 11.7.4. que nos montes de Fecha ese gando continuou habéndoo polo menos ata o XIX e tamén sabemos que, tempo andando, aproveitouse para facer corridas na cidade.

---

43 RLV:I, 138.

44 RLV: I, 176.

45 Os cans como axudantes na caza do boi bravo aparecen no texto de Sarmiento que veremos en 11.8.; n. 6877. E, por certo, nun capitel da Franqueira aparece un can mordendo un boi na orella.

46 http://pt.wikipedia.org/wiki/Capeia_arraiana [9.02.2010].

47 En Mougas (Oia) baixaron no ano 1998 250 vacas cun procedemento semellante á baixa das bestas (*Faro de Vigo* 13.07.1998).

48 [www.laopiniondezamora.es/comarcas/2009/07/27/comarcas-pinchazo/373589.html]. http://www.pueblos-espana. org/castilla+y+leon/zamora/el+pinero/392253/ Véxase tamén http://www.pueblos-espana.org/castilla+y+leon/zamora/el+pinero /392250/ ou http://www.pueblos-espana.org/castilla+y+leon/zamora/el+pinero/278640.

Naturalmente o gando en liberdade críase para alimentación humana e, polo tanto, acábase matando (e, por ser bravo, hai que cazalo, que non se deixa coller polas boas) pero non parece que desa nota de Olea deba deducirse que a mata do animal se convertese en espectáculo como é no *toro de Tordesillas*.

11.6.2. A Festa do boi de Allariz nos seus inicios



Estatua ó boi de Allariz (Arturo Andrade, 2005).

A segunda corrida que se pretende máis antiga é a de Allariz. A recentemente renacida *festa do boi* ten entre as súas hipotéticas orixes unha tradición que a sitúa no século XIV.

¿En que consiste? Pois fundamentalmente en correr: o boi corre controlado polo sedeño que levan na man os *homes do sedeño*, tal e como se ve na escultura do boi [49]. Tamén este é un espectáculo radicalmente distinto dos touros españois actuais, pero quizais semellante ós chamados *toros de cuerda* que acabaría prohibindo unha Real Providencia de Carlos IV de 30.8.1790 como veremos. En Portugal hai a *Vaca das cordas* en Ponte de Lima na véspera do Corpus que disque data de 1646 [50] e tamén nos Azores a *tourada á corda* que remonta a 1622 [51] e na que os touros van embolados.

Coma no Entroido, non hai fronteira pechada entre actores e público: tódolos presentes son público e actores.

Da orixe desta festa con bois, coñecida como *a carreira do boi, a solta do boi* e *a festa do boi*, corren, como dixemos, varias hipóteses. A primeira sitúaa nun episodio de crise entre cristiáns e xudeus de Allariz en época indeterminada. Di esa tradición que uns xudeus estaban a face-la risa da procesión do Corpus da vila e que *Xan de Arzúa*, un cristián destemido do século XIV, montou nun boi para escorrentalos e mandou

[49] E tamén lembra o combate romano dun oso e un touro, no que o oso vai controlado por unha cadea.

[50] *A Vaca das Cordas é uma espécie de tourada ao ar livre tradicional em Ponte de Lima, uma tradição que data de 1646 e que tem lugar na véspera da festa do Corpo de Deus. Esta tradição tem origem numa lenda que conta que a Igreja Matriz, da primitiva vila, era um tempo pagão onde se venerava uma deusa, simbolizada por uma vaca. Conta a lenda que o templo pagão foi transformado em igreja pelos cristãos e que a imagem da «deusa vaca» foi retirada do nicho onde era venerada e, presa por cordas, foi arrastada pelas ruas da vila até serem dadas três voltas ao templo. Actualmente, é um touro que percorre as ruas da vila preso por cordas* (http://pt.wikipedia.org/wiki/Vaca_das_Cordas [9.02.2010]).

[51] É típica da Illa Terceira, freguesia da Terra-Chã (http://www.vpgr.azores.gov.pt/apoiocidadao/touradas/RegulamentoTouradas.pdf [9.02.2010].

uns criados que levaran sacos de cinsa e formigas para acirra-los xudeus ata conseguiren que rematasen presenciando reverentemente a procesión. Orgulloso do que fixera deixou unha manda no testamento para que os de Allariz repetisen a argallada, paseándoo a el en efixie montado nun boi e acirrando os xudeus con cinsa e formigas.

Unha segunda hipótese conta un sucedido moi distinto. Segundo estoutra tradición, na vila rexían certos privilexios reais que lles prohibían ós forasteiros atravesaren as rúas de Allariz montados a cabalo; e un día chegou aló Xan de Arzúa, que agora é simplemente un rico cabaleiro, e negouse a baixar do cabalo cando un vixilante llo esixiu. Pero fixérono baixar á forza e el saltou enriba dun boi que, por caso, había alí preto e, montado no boi, cruzou a vila enteira [52].

Unha terceira, formulada por Parrilla Hermida, di que *Juan de Arzua* ou *Juan darzua* era simplemente un boneco de palla montado nun boi ou vaca que levaban, atado polos cornos, na cabeza da procesión e que, ó remate, os mozos corrían polas rúas e prazas da vila. Para Xosé Puga Brau:

> *Xan d'Arzua no es más que un ridículo monigote de paja o cartón, abigarradamente vestido, que después de haber estado expuesto a las miradas del público en el balcón de la Casa Consistorial, es montado en un pesado buey recorriendo antes de la procesión del Corpus las calles de la villa en medio de la gritería y animada gresca del populacho* (JdPB: 90-91).

Como xa vimos en 11.4.2.2., Urbano IV estendeu a toda a Igrexa a festa do Corpus Christi o día 8.9.1264. A tradición local de Allariz remonta o episodio de Xan de Arzúa ó século XIV e algúns concretan mesmo o ano 1317 (ABR:13-14), sen que coñezámo-la razón dese preciso ano [53]; tampouco coñecemos documentos que confirmen a existencia deste Xan de Arzúa en Allariz: de momento só se coñece a existencia dun *Joan d'Arçua*, cortador de Ourense, a quen procesaron en 1433 por vende-la carne máis cara do permitido e máis cara ós xudeus do que ós cristiáns (De Antonio: 2006, 401-402; 157-158) e doutro Xan de Arzúa que en 1579 vai nun boi preso abrindo a procesión do Corpus de Ribadavia (non de Allariz): unhas ordenanzas da procesión do Corpus de Ribadavia din: *Y delante todo va Juan darzua, en un buey preso, y lo llevan los carniceros* (Ribada2:116). Entre 1317 e 1579 cae o ano da expulsión dos xudeus (1492). Posiblemente debamos atribuír á tradicional incuria dos galegos (que tendemos a destruír papeis e libros vellos) o feito de non termos hoxe documentación máis antiga do Boi de Allariz .

Pero xa estamos no século XVI.

En calquera caso Xan de Arzúa, cristián ou non, burlador da relixión católica ou simplemente das ordenanzas municipais, converteuse nun dos elementos característicos desa procesión de Allariz [54].

Documentada no século XVI a presenza do boi abrindo a procesión do Corpus de Allariz, a explicación máis verosímil é a do P. Sarmiento (que, dalgún xeito, corrobora Vicente Risco) e que xa vimos en 11.4.2.2: inicialmente o boi ía na procesión simbolizando o demo vencido por Xesús. O P. Sarmiento non menta especificamente á procesión do Corpus de Allariz pero, como vimos, escribe *En otras partes de Galicia, y Asturias no va tarasca sino un Buey enmaronado, para diversion del vulgo. Este Buey alude al animal Behemot, de la Scriptura, en el qual tambien se significa el Demonio, a quien vencio Christo.* E, como xa dixemos, se representa o demo, é doada algunha agresión verbal ou física, que acabaría secularizando o rito e degradándoo. A agresividade vicaria (dirixida ó demo) dábase mesmo coa tarasca que na procesión do Corpus en Santiago ía en vez do boi no século XVIII [55].

---

[52] GEG s.v. *Arzúa, Xan da*. O artigo remata dicindo que a tradición se perdeu en 1935 pero Luís Martínez–Risco Daviña infórmanos en correo de 19.09.2007 de que a festa aínda perviviu ata finais dos cincuenta ou principios dos sesenta, iso si, moi vida a menos. Véxase a descrición que Vicente Risco redactará en 1962 (11.10.2.). A recuperación desta festa é de 1983.

[53] Quizais fundándose en que algúns din que a procesión co Santísimo, que non formaba parte do ritual festivo inicial, foi ordenada polo papa Xoán XXII en 1316. Pero esa afirmación non parece fiable, porque Francis Mershman (FME) asegura que ningún decreto fala de que a celebración levase xa dende o comezo aparellada unha procesión teofórica: isto veu despois. Sorprendería, ademais, que unha festa nacida en Bélxica se celebre xa e con procesión en Allariz polas datas nas que a simple festa aínda se introduce en Estrasburgo.

[54] Falando de Xan d'Arzúa, presta le-los versos de Mauro do Pereiro (16.1.).

[55] A serpe ou tarasca, monstro de coiro fabricado polos zapateiros, andaba e movíase impulsada por persoas do gremio de Obra Prima que ían dentro. En 1777 piden ó Concello que os exima porque saen moi malparados, xa que a deben levar *por las calles e iglesias de donde salen y entran bailando y danzando, con ella; de manera que no sólo sirve este espectáculo de un atraimiento de la xente menos culta y vulgar a la irrisión y gritería con tal indevoción e irreverencia a la Divina Magestad y Sagradas imágenes de María Santísima y más santos que van en ellas, sino de una concurrencia grande de muchachos, que acuden al propio fin con piedras y palos que tiran y dan a las personas que la conducen y acompañan, vituperándolas con dicterios y palabras indignas, de que resulta y tiene resultado varias veces graves daños de roturas de cabezas, dislocaciones de brazos y otras considerables heridas, y de que algunas de ellas estuvieron en gravísimo riesgo de la vida, como es público y notorio en la ciudad, a que se agrava la imposibilidad en que se ve el gremio, sus mayordomos y vicarios, de hallar persona que la conduzca, a causa de lo expuesto y de lo indecoroso e indecente* (PPC:242).

Esta corrida, logo, tamén parece ter orixe relixiosa, non só pola súa vinculación á procesión do Corpus senón porque a tradición esixe que a corrida pase por diante do convento das monxas de Santa Clara e que elas se poden querelar se lles impiden vela dende a súa celosía [56].

11.6.3. Touros en Galicia no XVI: indicio indirecto

Se a pretensión de situa-la orixe dos espectáculos de bois en Compostela no século X e en Allariz no XIV espera aínda unha proba fidedigna, hai un indicio indirecto para o século XVI no feito de que dende mediados dese século algúns bispos prohíbenlles ós sacerdotes *correr touros* (o que parece indicar que se corrían) do mesmo xeito que lles prohibían a caza, o xogo de pelota e os dados. Non sabemos se iso é ou non algo parecido á caza de gando bravo nos montes de Santiago pero disque o bispo Antonio Ramírez de Haro xa lles prohibiu correr touros ós clérigos de Ourense no 16.04.1539. Non demos consultado as sinodais ou constitucións dese bispo pero, en cambio, comprobamos esa prohibición no sínodo de Francisco Manrique de Lara, tamén de Ourense, de 12.04.1543.

> *Otrosi mandamos que ningún clérigo dance ni bayle ni cante cantares seglares en missa nueva ni en bodas, ni en otro negocio alguno público, ni ande corriendo toros, so pena de diez reales applicados como dicho es* [57] .

A prohibición parece indica-la existencia do hábito que se pretende extirpar da conduta clerical; aínda que, en lei dereita, igual é unha advertencia simplemente preventiva en función do clamor universal que por eses anos xa existía na cristiandade contra os espectáculos de crueldade con animais; clamor que provocou que vintecatro anos despois, o 1.11.1567, o papa Pío V publique a Bula *De salute gregis dominici* na que excomunga cantos participen en corridas de touros [58].

En calquera caso, segue na sombra en qué consistía exactamente *correr toros*. Veremos que Vicente Risco afirma que o toureo que se usaba en Galicia no séculos XVI e XVII *era a cabalo, motivo de lucimento prá mocedade fidalga, segura importadora do costume. Mais debéu haber tamén touradas viláns e imitanzas e arremedos, como o boi de Allariz, e cecáis tamén touros artificiás, dos que pode ser lembranza a Morena do Entroido de Laza* (VR1:666-667).

11.6.4. Touros en Ourense no XVI e XVII

Benito Fernández Alonso leu actas municipais antigas e xa constatou de maneira fidedigna a celebración de corridas en Ourense na Praza Maior: hóuboas en 1568 o 4 de xuño (probablemente o Corpus) e tamén unha accidentada corrida no día de san Xoán [59]; hóuboas tamén en 1578 [60] e en 1583 [61].

---

[56] *sin dejar de pasar por delante del convento de las monjas de Santa Clara, so pena de que estas puedan querellarse de haber sido interrumpidas en el derecho que asiste a la Comunidad reunida de verlo desde el mirador (Con celosía)* (JdPB 1957-1958: 90-91).

[57] AGG: 183,40.

[58] Prohibicións semellantes déronse despois noutras dioceses e mesmo na América hispana, como se pode comprobar nas disposicións emanadas dos Sínodos de Santiago de Cuba (1681) e de Concepción de Chile (1747), que castigaban coa excomuñón –e maila perda do animal- as corridas de touros nos domingos e días festivos (EBR: 403).

[59] 1568. Junio, 4.-*Hubo corrida de toros en la ciudad y se repitió el día de San Juan; pero de los toros de este día, dos arrastrando los palenques, vagaron sueltos con gran susto y peligro de los vecinos y transeuntes. Las corridas celebrábanse en la plaza mayor, tapando con valla de madera las bocacalles; y en esta última corrida, se metió en la cárcel al palenquero Pedro de Arce, haciéndole perder la madera* (BFA:7,171,1926; 470). Adriano de la Seca ofrece outro testemuño deste incidente dando máis detalles ó copia-la acta literal que asinan o xuíz Pedro Rodríguez de la Morera e os rexedores Pedro Díaz de Cadórniga, Gómez Pérez e Martin de Losada: *E así mesmo los dichos señores Justicia y Regidores dixeron que atento aquel dia de San Juan d'este presente año por las palenqueras questaban puestos en la plaza pública della se avian ydo dos Toros los quales se abian ydo por falta de que, los dichos palenques no estaban vien firmes que desde agora despedian y despidieron a Pedro darte, carpintero a cuyo cargo estaban los dichos palenques y mandaban y mandaron que no le sea pagado ningún salario si se le debiere y que luego que le fuere notificado delante uno de los Regidores qual le fuere señalado baya a dar quenta de todos los maderos y cosas tocantes al dicho oficio de lo que recivio y le fuera entregado con apercibimiento que sera puesto en la Carcel y en su lugar nombraban e nombraron para que tenga el mesmo oficio dé tener aquenta de poner los dichos palenques a Estebo Duran, carpintero, vezino desta dicha ciudad y le mandaron entregar todos los pontones y maderas que son menester para lo suso dicho para questé todo a su cargo y que de fianzas que siempre dará quenta de lo que ansi se le entregare y tendrá buena quenta de hazer poner los tales palenques de manera que por su culpa y negligencia no se baya ningun toro, y le mandaron dar el salario que se solía dar al dicho Pedro darte y los firmaron de sus nombres* (AdS 1932,371-372).

[60] 1578.-*Había en Orense fábricas de sombreros, de curtidos, de velas, Alhóndiga, alguacil para perseguir vagabundos, corridas de toros y geringas de metal para apagar incendios* (BFA 8,174, 1927; 67).

[61] 1583.-*En la Pascua de Resurrección hubo una corrida de toros en la plaza del Concejo* (BFA 8,174,1927; 70).

No século XVII constan outras corridas, porque en 1622 prohíbeselles ós curas participar nelas, aínda que sigamos sen saber de que tipo eran estas corridas:

> *Otrosí les encargamos que [los clérigos] [...] no jueguen a la pelota en público, ni estén en el coso donde se corren toros desde antes que se comenzaren hasta que sean acabados, aunque el toro no esté dentro: y les encargamos se abstengan de se hallar a verlos correr, ni en las comedias ni en otros juegos profanos* (PRV: Const. Cuarta; 150).

Hóuboas o 4 de xullo de 1637 [62] e mailo 29 e 30 de maio de 1671 con motivo da canonización do rei Fernando III [63] (onde vemos reaparece-lo motivo relixioso) e tamén en 1683: nesta ocasión a situación é difícil, porque a provincia de Ourense está obrigada a mandar a Flandres 200 soldados e a moeda anda devaliada [64]. En outubro de 1685 hai tamén unha corrida na praza maior para celebrar que o bispo Diego Ros de Medrano recibira o nomeamento de Gobernador e Capitán General del Reino de Galicia (BFA 8, 184, 1929; 321).

11.6.5. Touros en Betanzos

Nesta cidade tamén os houbo nos séculos XVI e XVII. Organizábaos a Justicia y Regimiento e era o gremio de carniceiros quen tiña que facilitalos nos días de san Xoán, san Paio e san Roque. O cronista (Beta2) ofrece datos de 1552 (*En este rregimiento se mandó notificar a los carniçeros que busquen quatro toros buenos para día de San Juan so pena de diez mil maravedís, e que los repartan entre si conforme al uso e costunbre que tienen*) e de final deste século é unha proposta ó concello de *que la bíspera de la fiesta del Glorioso Señor San Juan se pudiesen correr en esta ciudad algunos toros y para ellos y buscallos se diese lizencia a los carnizeros de esta ciudad segun costunbre, que todo era en regocijo de las fiestas del dicho glorioso santo y servicio de nuestro Señor. Decretose se le daba licencia para que la bispera del Señor San Juan se puedan correr y corran en esta dicha ciudad tres toros, en la plaza y parte acostunbrada de ciudad, y se notifique a los carnizeros quellos los busquen y pongan en la dicha plaza*... Unha vez máis os touros xustifícanse *en servicio de nuestro Señor*.

11.6.6. Touros na Coruña no XVII

Nas festas da Nosa Sra. do Rosario, patroa da Coruña, o 2.07.1616 pechouse a praza maior e botóuselle area e houbo corrida. Non consta a morte dos animais e máis ben parece un espectáculo de distintos tipos de acrobacia, xa que inclúe a sortella, canas e outros varios. Nese ano:

> *Corríanse toros y sortijas y se celebraban juegos de cañas y otros varios; para todo lo cual la Justicia y Reguimiento de la ciudad destinaba de mil a cuatro mil maravedis. Concurrían á ellas gentes de todo el reino y las presenciaban desde las Casas Consistoriales los Sres. Gobernador y Oidores con sus familias y convidados* (AMS1: 107).

Non consta a morte do animal e, polo menos, os outros xogos son de habilidade, como atravesar cun pauciño unha sortella colgada dunha cinta e pasando onda ela a cabalo.

11.6.7. Algunhas prohibicións eclesiásticas e reais

Por esta época –século XVII- as corridas debían de ser xa moi heteroxéneas e, se realmente algunhas tiveron orixe en procesións relixiosas e outras eran simplemente festivas, a celebración xa debía estar moi deturpada porque se producían feridos e mortos. Tivo que haber razóns de peso para que as autoridades relixiosas e nalgún caso os reis procedesen a prohibilas e aparecen algunhas ameazas de excomuñón.

---

62 *Con esta fecha expide el Concejo de la ciudad una libranza de 2.000 maravedises a favor de Antonio Suero, por las suertes que hizo a los toros el día de San Juan. En Mayo 22, se habían ya pagado 3.000 maravedises, para comprar garruchas y otras cosas para esta corrida de toros, que, como en otras, se lidiaron en la Plaza Mayor, tapiando con palanqueras las bocales calles* (BFA: 8,176,1927; 117).

63 *El 29 de Mayo se celebró con grandes fiestas la canonización del Rey Fernando III; el 29 y el 30 hubo corrida de toros, procesión, mojigangas, comedias, danzas y luminarias. Se comunicaron órdenes a todos los Ayuntamientos* (BFA: 8,178,1928; 153).

64 *Vino al Ayuntamiento una orden para que se mandaran de esta provincia 200 soldados a Flandes. // Todo el oro, plata y calderilla, empaquetada en muchas cargas, había sido recogida y mandada a Madrid, para contrasellarla, con motivo del quebranto sufrido por la moneda. // El Ayuntamiento se queja de la carencia de numerario aun para las cosas más pequeñas. Había corrida de toros dos veces al año. Los granos de la Alhóndiga se vendieron a razón de 14 reales hanega. Se cobraba tanto por cien de Alcabalas en ferias, mercados y romerías* (BFA: 8,180,1928; 211).

No Concilio de Trento (1545-1563) xa se presentara formalmente a proposta de prohibi-las corridas de touros: *Prohíbanse os espectáculos de touros e mesmo doutros animais, nos que se cometen moitas accións abominables* [65]. E efectivamente pouco tempo despois diferentes papas excomungaron os lidadores de touros e negáronlles enterro en sagrado: Pío V (1566-1572) [66], Gregorio XIII (1572-1585), Sixto V (1585-1590). Desde España Fray Luís de León (1528-1591) e Felipe II (1556-1598) conseguiron que Clemente VIII (1592-1605) anulara esas excomuñóns e volvéronse celebrar corridas en ocasión de festas relixiosas e disque se chegou a celebralas dentro da catedral de Palencia e a reparti-la carne dos touros lidados neste tipo de festas como reliquia e para remedios. Os Borbóns, hostiles a este espectáculo, conseguiron que as clases altas deixasen a tauromaquia e que, conservándoa o pobo, collese forza o toureiro de a pé fronte ó anterior toureo señorial basicamente de a cabalo.

Lembramos tres prohibicións reais das corridas no século XVIII: unha de Fernando VI en 10.05.1754; outra Real Pragmática de Carlos III dada en 9.11.1785 que prohibe os *toros de muerte*; e unha Real Providencia de Carlos IV de 30.08.1790 que decreta "*la supresión de correr por las calles novillos y toros que llaman de cuerda así de día como de noche, motivado por las desgracias recientemente ocurridas*" (JdPB:93).

---

[65] 63. *Aboleantur taurorum spectacula vel aliarum ferarum, in quibus multa foeda perpetrantur* (*Analecta juris pontificii. Dissertations sur différents sujets de Droit Canonique, Liturgie et Theologie*. Bureau des Analecta, Place de Venise 114, Rome 1869; 981) (http://www.columbia.edu/cu/lweb/digital/collections/cul/texts/ldpd_6606339_000/pages/ldpd_6606339_000_000 00496. html?toggle=image&menu=minimize&top=200px&left=70px) [19.05.2009].

[66] BULA DO PAPA PÍO V CONTRA AS CORRIDAS DE TOUROS. *DE SALUTE GREGIS DOMINICI.* 1/11/1567. Traducida do orixinal latino extraído de *Bullarum Diplomatum et Privilegiorum Sanctorum Romanorum Pontificum Taurinensis editio* (Augustae Taurinorum, VII, 1862, 630 – 631).

Pío bispo, servo dos servos de Deus para perpetua memoria.

Pensando con solicitude na salvación do rabaño do Señor, confiada ó noso coidado por disposición divina, tal como estamos obrigados por imperativo do noso ministerio pastoral, ocupámonos incesantemente de arreda-los fieis todos do dito rabaño dos perigos inminentes do corpo, así como da ruína da alma.

§ 1. Na verdade, por máis que un decreto do concilio de Trento prohibise o detestable uso do duelo, introducido polo Demo para conseguir coa morte cruel do corpo tamén a ruína da alma, en moitas cidades e en moitísimos lugares continúa habendo loitas con bois e outras feras en espectáculos públicos e privados, para faceren exhibición da súa forza e súa audacia, cousa que carrexa con frecuencia mesmo mortes humanas, mutilación de membros e perigo para a alma.

§. 2 polo que, Nós, considerando que estes espectáculos nos que se corren touros e feras no circo ou na praza pública non teñen nada que ver coa piedade e a caridade cristiá, e querendo abolir estes espectáculos crueis e vergoñentos, non de homes senón do Demo, e querendo procura-la salvación das almas, na medida das nosas posibilidades e coa axuda de Deus, prohibimos terminantemente por esta nosa constitución, que estará en vigor perpetuamente, e baixo pena de excomuñón e de anatema en que se incorrerá ipso facto, que todos e cada un dos príncipes cristiáns, calquera que sexa a dignidade de que estean revestidos, sexa eclesiástica ou civil, imperial, real ou de calquera outro tipo, calquera que sexa o nome polo que sexan designados ou calquera que sexa a Comunidade ou o Estado, permitan a celebración destes espectáculos nos que se corren touros e outras feras nas súas provincias, cidades, territorios, prazas fortes e lugares onde se leven a cabo. Prohibimos do mesmo modo que os soldados e calquera outra persoa ouse enfrontarse con touros e outras feras nos citados espectáculos, tanto de a pé coma de a cabalo.

§3. E se algún deles aí morrer, non se lle dea sepultura eclesiástica.

§4. Do mesmo modo, prohibimos baixo pena de excomuñón que os clérigos tanto regulares como seculares que teñan un beneficio eclesiástico ou teñan recibido ordes sagradas participen neses espectáculos.

§5. Deixamos sen efecto e anulamos e decretamos e declaramos que se consideren perpetuamente revogadas, nulas e inválidas tódalas obrigacións, xuramentos e votos que ata o día de hoxe se tiveren feito ou que se fagan de aquí para diante (cousa que queda prohibida), por calquera persoa, colectividade ou colexio sobre tales corridas de touros aínda que sexan, como eles erroneamente pensan, en honra dos santos ou de algunha solemnidade ou festividade da Igrexa, que deben celebrarse e venerarse con alegría espiritual e obras piadosas, e non con este tipo de diversións.

§6. Ordenamos a tódolos Príncipes, Condes e Baróns feudatarios da Santa Igrexa Romana, baixo pena de privación dos feudos concedidos pola mesma Igrexa Romana, e exhortamos ó Señor e ordenamos en virtude da santa obediencia ós outros príncipes cristiáns e ós señores das terras, dos que fixemos mención, que, en honra e reverencia ó nome do Señor, fagan cumprir escrupulosamente nos seus dominios e terras todo o que arriba ordenamos e por obra tan boa serán abundantemente recompensados polo mesmo Deus.

§7. A tódolos nosos irmáns Patriarcas, Primados, Arcebispos e Bispos e a outros vicarios locais en virtude da santa obediencia, apelando ó xuízo divino e á ameaza de maldición eterna, que dean suficiente publicidade a este o noso escrito nas cidades e dioceses propias e fagan que se cumpra, inclusive baixo penas e censuras eclesiásticas, como arriba deixamos ordenado.

§8. Sen que se poidan aducir en contra calquera outra constitución ou ordenamento apostólico, exención, privilexio, indulto, facultade ou carta apostólica concedida, aprobada e innovada por iniciativa propia ou de calquera outra maneira a calquera persoa, de calquera categoría e condición, teor, forma, cláusula (incluídas as derrogatorias) e con outras cláusulas máis eficaces e inusuais, así como outros decretos invalidantes, en xeral ou en casos particulares e, tendo por reproducido o contido de todos eses documentos mediante o presente escrito, especial e expresamente os derrogamos, así como calquera outro documento que se opuxer.

§9. Queremos que o presente escrito se faga público na forma acostumada no noso Concilio Apostólico e se conte entre as constitucións que estarán vixentes perpetuamente e que ás súas copias, mesmo as impresas, asinadas por notario público e referendadas co selo dalgún prelado se lles outorgue exactamente a mesma autoridade que se outorgaría ó presente escrito se fose exhibido e presentado.

Nulli ergo omnino etc.

Redactado e asinado en Roma, onda San Pedro, no ano de 1567 da Encarnación do Señor, nas Calendas de Novembro, segundo ano do pontificado.

11.7. Touros nos séculos XVIII e XIX

11.7.1. Ourense

Das corridas na cidade de Ourense aínda temos algún testemuño documental máis. Benito F. Alonso documenta unhas corridas en 1717 no día de Corpus e nos dous días seguintes [67]. E Adriano de la Seca informa de que as houbo no emblemático ano de 1789, aínda que o motivo desta corrida en Ourense non fose o triunfo da revolución francesa senón o da proclamación do rei Carlos IV [68] (curiosamente un dos reis que habían prohibi-las corridas [69]). Na cidade das Burgas, cando había algún acontecemento importante, o concello contrataba unha compañía de comedias e o *Gremio de Mercaderes* contrataba as corridas que –afirma De la Seca – eran habitualmente na Praza do Campo. Despois de relatar as sucesivas celebracións políticas do día 6 de maio na praza Maior, na do Sal e na do Ferro, di que o *Gremio de Mercaderes* deu dúas corridas e a cidade deu outras catro e engade que o concello botou moeda á rapañota á xente e que houbo fonte de viño [70]. Por último volve haber corrida en Ourense o 1732 para celebra-la toma de Orán [71].

11.7.2. Ribadavia

Puga Brau (JdPB:94) di que nesta época en Ribadavia se corría unha vaca e que tamén alí figuraba Xan d'Arzúa (pero debemos lembrar que en 1579 o que montaba Xan d'Arzúa era un boi, tal como vimos en 11.6.2.). Posiblemente confunda con outra corrida que había aquí en setembro, nas festas do Portal. Rubén García Álvarez (RGA1: 12-19) relata que estas corridas eran pola mañá despois da misa e antes das danzas; entre os visitantes estaban, nada menos, os frades de Sobrado:

> *[...] ... una vez terminada la ceremonia religiosa, la Corporacion [municipal] volvía formada a la Plaza Mayor, "a ver los toros desde el balcón, y a la noche había fuegos" [...] El día 9 por la mañana había corrida como el día 7. [...] Pero algunos excesos debían cometerse en los festejos profanos, por cuanto el General Reformador de la Orden del Císter prohibió en el año 1824 a los monjes de Sobrado que asistiesen a "las corridas de toros, comedias y representaciones teatrales que se celebran en la villa de Ribadavia durante las fiestas del Portal"; lo cual, creo yo, quiere decir que anteriormente debía ser bastante habitual la asistencia de los monjes a las mismas, y si los frailes del lejano convento de Sobrado acudían con tal motivo a nuestra villa, es fácil imaginar el gran concurso de gentes de toda Galicia que por esos días septembrinos vendría a Ribadavia.*

---

67 1717.-*El día de Corpus y los dos siguientes hubo corrida de toros, comedias y bolatines. Estos ejecutaron muchas habilidades. Los mayordomos de propios pagaron convites. En julio se recibió una Pragmática de la forma* (BFA 8,184,1929, 328).

68 A Real Orde que impoñía esa celebración chegou ó concello o 29.12.1788 pero o concello non tiña recursos para cumprimentala e diferiuna ata maio do ano seguinte.

69 *En toda España era generalizada costumbre el correr "novillos" y "toros enmaromados" tanto de día como noche; además los consiguientes abusos y desmanes que estas corridas se cometían, resultaban siempre muchos heridos graves y muertos, por ello reaccionó de modo enérgico Carlos IV por Real Providencia de 1790, dictada en Madrid el 30 de Agosto, que decretó de modo tajante, "la supresión de correr por las calles novillos y toros que llaman de cuerda así de día como de noche, motivado por las desgracias recientemente ocurridas". Fué el golpe de muerte de estos espectáculos, pero con todo en Allariz pervivió y lo mismo en Ribadavia donde en pretéritas épocas corrían una vaca que el gremio de los tablajeros aportaba, la cual cabalgada por Xan d'Arzua en efigie, abría la marcha de la procesión del Corpus según nos habla un cronista de dicha villa* (JdPB: 93-94).

70 *...el Gremio de Mercaderes dió dos corridas de toros, iluminación, y fuegos de nueva invención, esmerándose igualmente los gremios de San Miguel, Santo Nombre de Jesús y Santa Eufemia en ostentar su júbilo con tan plausible motivo según lo permitieron sus facultades con varias historias alusivas a sus respectivas artes y oficios. La Ciudad por su parte también dió cuatro corridas de toros, y el Regidor D. Luis López en tres actos de proclamación hizo arrojar porción de moneda al pueblo; construyó una fuente de vino frente a su casa para proveer a la Pleve que concurría a aprovecharse de aquel beneficio: mandó abundante comida a los presos que se hallaban en la Real Cárcel, e hizo servir un refresco correspondiente a las Señoras recogidas que se hallan en la Casa denominada de las Mercedes, siendo también de notar la ardiente caridad de nuestro Ilustrísimo Prelado pues además de las continuas limosnas que siempre está dispensando a los pobres, teniendo en consideración que muchos jornaleros se escaparían del trabajo por asistir a estos regocijos en perjuicio de su familia, mandó se les socorriese con el jornal que acostumbraban ganar durante dichas funciones en las cuales fué general el contento en todas las clases de gentes sin haberse notado el más leve alboroto, ni desorden, sin embargo de la multitud que ha concurrido lográndose por lo que mira a abastos la mayor abundancia* (AdS: 371-372).

71 *Y por último, en la sesión de 29 de julio de 1732 se dió cuenta de una carta orden del Sr. Conde de Itré fechada en Betanzos, en 22 del corriente participando a esta ciudad: Las felices noticias que ha conseguido las reales armas de nuestro católico Monarca en la toma de Orán, a fin de que se cante el Te Deum con repique de campanas, se pongan luminarias y hágase las demás demostraciones festivas y convinientes de tan felices progresos, la cual vista por la ciudad con alegría y estimación comprendiente a tan loable noticia acordó se pongan luminarias por todos los vecinos de esta ciudad en tres noches consecutivas y que se tenga una Corrida de toros por lo cual se publicará Bando, y para que se sepa el dia que el Cabildo eclesiástico quiere que se cante el Te Deum para este condal y sus vecinos concurrir a el se nombran a los señores D. Juan de Puga Solís y D. Juan de Espinosa a fin de que se aboquen con el canónigo Tesorero y le participen la determinación de esta ciudad para que lo haga a su Cabildo y este determine el dia que se haya de cantar* (AdS: 373).

En 1869 a Corporación republicana fai fincapé en mante-las festas da Virxe do Portal e o alcalde Cesáreo Rivera anuncia que

> *El día 9 por la mañana tendrá lugar la Corrida de Toros, que los aficionados sortearán en la misma mañana.*

O programa de festas de 1885 di que o día 9 de setembro ás once da mañá

> *se lidiarán tres toros de las más renombradas vacadas de esta región; la pericia de los aficionados y la buena sangre de los bichos, darán mucho juego y diversión.*

Aínda que o festexo ten certo risco e por iso a Corporación asiste a el dende o balcón, o feito de que se fale de afeccionados para sortear e lidiar os touros parece indicar claramente que tamén en Ribadavia a corrida ten máis de carreira e de participación libre de tódolos espontáneos que de espectáculo pasivo no que o público mira mentres que un (ou poucos toureiros profesionais) xogan a morte cun touro seguindo un ritual litúrxico severamente regulamentado. Tamén é de sinalar que, en calquera caso, o xogo é sempre pola mañá despois da misa maior. Non son, polo tanto, os mesmos touros españois.

Na epígrafe 11.9.1. imos ler unha crítica á corrida de vacas de Ribadavia publicada en 1888.

11.7.3. Lugo

Aínda que hoxe resulte sorprendente, en Lugo houbo corridas de touros. Temos constancia, polo menos, de dúas organizadas polas autoridades, unha en 1736 e outra en 1746. Quen organiza a primeira é o Cabido da Catedral (unha vez máis relixión e corridas) e faino para festexa-lo remate da construción da capela e retablo da Nosa Señora dos Ollos Grandes. Os planos encargárallos a Casas Nóvoa e a feitura ó escultor Miguel Romay. A alegría do cabido ó ver rematada esta gran obra artística e relixiosa e trasladar ó novo emprazamento a imaxe da Nosa Señora podémola medir polo programa de festas proposto ó Cabido polo seu presidente no día 29.05.1736 e que inclúe un espectáculo de touros.


> *El Deán hizo manifestación de que las fiestas de la colocación de Nra. Señora de los Ojos Grandes en la Nueva Capilla se podían reducir al octavario de semanas con las funciones correspondientes de yglesia y procesión general a seis mill Reales de fuegos que estavan encargados en Santiago y en esta ciudad; a doze toros de Benavente o Salamanca, con toreadores de Castilla; a seis comedias, las quatro de capa y espada, y las dos de coliseo; a dos días de sortija, una seria y otra burlesca; un día de alcanzias y otra de mojiganga con carro triunfal y serenatta de música; con Fuente perenne de vino el día Nuestra Señora; y que para que se pudiesen hazer las fiestas de Plaza con más esplendor, tenía por conveniente que el Sr. Thesorero y dicho Sr. Deán escribiesen como Diputados de dichas fiestas (en sus nombres y no del Cavildo) a los sujetos que les parecieren pueden servir con sus cavallos en ellas; y se acordó que se ejecutte en la forma expresada, previniendo que los dulces y bevidas que se gastaron en los refrescos de los toros han de ser a costa de la Mesa Capitular; y los demás gastos han de ser quenta de la Fábrica; y de los doze mill y cinquenta Reales de vellón que están ofrecidos por el Sr. Obispo, ziudad y señores capitulares de esta Santta yglesia.* [72]

Nótese que o espectáculo é totalmente de importación: os touros veñen de Benavente ou de Salamanca e *toreadores de Castilla*; veremos que en Compostela tamén se fixo iso e, se cadra, ten que ver co feito de que o deán, autor da proposta luguesa, era un cóengo logroñés [73]. Coma noutras vilas, as corridas levan aparellados espectáculos teatrais pero, se cadra, o máis local é que nesas festas hai unha fonte que deita viño, tal e como aínda recentemente se fixo coa fonte da Praza do Campo e como nesa época tamén se fixo en Ourense en 1789, como xa vimos, nos festexos pola coroación de Carlos IV.

---

[72] Francisco Vázquez Saco, cóengo lugués, gardaba nas súas libretas de contido heteroxéneo copias parciais de documentos dos arquivos de moitas igrexas da diocese de Lugo, especialmente da catedral; reparaba en asuntos moi variados que lle interesaban pola súa vocación de historiador. Entre eses papeis figura esta copia parcial da acta do Cabido da Catedral de Lugo.

[73] O deán era Tomás de Anguiano y Murillo nacido en Matute (Logroño) e bautizado o 20.12.1686. Tivo parte moi directa na construción da magnífica Capela da Nosa Señora dos Ollos Grandes. En 1736 era bispo de Lugo Cayetano Gil Taboada, nado en Santo Estevo de Barcia (Lalín), que posteriormente foi arcebispo de Santiago (30.09.1745) e morreu o 12.05.1751. Agradecemos estes datos ós ilustrados lugueses José López Díaz e Manuel Rodríguez Sánchez.



RELACION
DE LAS FESTIVAS DEMONSTRACIONES
conque la M. N. Antigua y L.
CIUDAD DE LUGO,
CABEZA DE PROVINCIA,
Voto en Cortes del Nobilisimo
Reyno de GALICIA.
EXPRESSÒ SUS JÚBILOS
en la Aclamacion Plausible de
N.tro Catholico Monarcha
EL SEÑOR
D. FERNANDO VI.
(QUE DIOS GUARDE)
desde el dia ocho de Octubre de
este presente año de 1746.
En SANTIAGO : Por BUENAVENTURA AGUAYO,
Impressor de la Santa Iglesia,
en la Rùa-Nova.



2

DEsde un Polo al otro Polo,
todo el terrestre Emisferio.
Hombres, Mugeres, y Niños,
hasta los mas caducos, los mas
(viejos.
Todo genero de Estados,
Plebeyos, y Caballeros.
oygan los rudos bocablos
de mi poco versado ronco plectro.
Sepan las Fiestas, que ansiosos
todos los Lucenses Pechos
tributàron reverentes
Al mas Inclyto Rey
FERNANDO SEXTO.
Todos mi voz escuchad,
oid todos mis acentos,
prestadme atencion un rato,
censurad como doctos, que yà
(empiezo.
Sabed, pues, que en esta Corte,
Colonia, que en otros tiempos
fuè Solio de los *Romanos*,
Casa Real de los *Godos*, y *Suevos*.
En esta fuerte, y lucida
Plaza, que con todo esfuerzo
supo rendir, sin rendirse,
ni aun à duras fatigas del mal
(tiempo.
En esta Bethelem Bella,
que interpretada es lo mesmo
Bethelem, *seu Domus Panis*,
casi siempre de un Pan, que es
(*Pan del Cielo*.
En esta Depositaria
de los Tesoros Supremos,
pues aqui de sus prodigios
echò la Omnipotencia los ex-
(cessos.
Aquì, donde noche, y dia
en continuados esmeros,
tenemos à nuestros ojos
al mas fuerte Leon, Manso Cor-
(dero.
Aqui, donde aquella *ESTRELLA*
del mas claro lucimiento,
con *OJOS GRANDES* nos mira,
Argos *sobre las Gentes de su Pueblo*.
Aqui, donde el HIJO, y MADRE,
sin dexarnos un momento,
tienen todas sus delicias,
que en los hombres estrivan sus
(recreos.
Aqui, de donde los Nobles
todo su Origen tuvieron,
pues solo de esta Ciudad
las Noblezas de España descen-
(dieron.
En esta lustrosa Estancia,
en este hermoso Recrèo,
en este Pensil de Flòra,
En LUGO, que assi todo dicho
(tengo.
Para dàr la Aclamacion
à su Rey, Señor, y Dueño,
dispusieron unas Fiestas,
en que mas que el primor luciò
(el afecto.
Pues respecto del amor,
que concibiò todo el Pueblo
del interior regocijo
ni aun la sombra expressarò los
(festejos.
Dispusieron, que el dia ocho
sea del gozo el primero,
y con corrida de Toros
empezò sus delicias el contento.
De-



3

Decir aqui lo bizàrro
de la Nobleza, que à empeño
salió à la Plaza, bien fuera
pretender escalar el firmamẽto.
Pues bastaban las Deidades,
que como tales se vieron
en Ventanas, y Balcònes,
para agotar el nùmẽ mas ẽtero.
Pues què de los Ciudadanos?
Què de tanto Forastero?
Què de costosos aliños
de oro, y plata en los trages?
(Què portento!
Assi esperaba el Concurso
vèr aquel Bruto en el Cèrco,
que sinò al Signo de Tauro,
al mismo Tauro excede en lo
(sangriento.
A este Paysano derriba,
à aquel Truhàn hecha al buelo,
al Licenciado acomète,
y aun se burla furioso del acèro.
A este se siguiò el segundo,
y los demàs se siguieron,
tan feròces, que ninguno
podia decir qual de ellos fuè el
(primero.
De fenecidos los Toros,
las luces amanecieron
en tanta luz, que la noche
se perdiò por entòces su derecho.
Pues en tanta claridad
se mirò el Lugar entero,
que los Pàjaros cantando,
buenos dias de noche à todos
(dieron.
Tanta variedad de Antorchas
en Plaza, y Calles se vieron,
que nadando en resplandores,
empezaron à arder al ayre fuegos.
Fuegos de tanta belleza,
que mostraba bien su estruendo,
que festejaban à un Rey
en Campañas, qual Marte, todo
(fuego.
Bombas, Montantes, y Ruedas,
Cubos, Fuentes, Palmas, Truenos,
todo era primor, y gala,
todo a vista, y oidos embeleso.
Dos Balcònes, que à la Plaza
salen, ocupan atentos
los instrumentos, que acordes
diestramente primores exercieron.
Violines, Obuès, y Trompas,
con un suave embeleso,
Tocàtas, Jigas, y Marchas,
sin cesar alternaron con con-
(cierto.
Despues de dos horas largas,
que incessante durò el fuego,
quatro diferentes Dànzas,
à qual de mas primor ricas sa-
(lieron.
Estas Dànzas, las disponen
de la Ciudad quatro Gremios,
y cada qual procuraba
ser en todos aliños el primero.
Conque yà colegiran,
yèndo cada qual à empeño,
que en competencias serìa,
el lucir primoroso, y con ex-
(cesos.
Assi se ocupò la Noche,
hasta que quiso Morfeo
mostrar sus jurisdiciones,
sujetando à dormir al mas des-
(pierto.



4

El nueve, que ha sido el Dia
de Aclamacion, y Passeo,
fuè Dia, que: mas què digo?
Como podrè elogiar Dia tan
(nuevo?
Fuè Dia de tanta gloria,
que sin hypèrbole pienso,
que à no tener fin el dia,
fuera Dia, sin duda, de los Cielos.
Vaya un Bosquèxo de Plaza,
sinò del mayor recrèo,
donde la Noble Ciudad,
para la Aclamacion dispone el
(puesto.
En el Consistorio forman
un Trono, en un todo Regio,
en el que està como vivo
nuestro Rey, y Señor
D. FERNANDO EL SEXTO,
A la izquierda de este, otro
costosamente erigieron,
de punta à punta adornado
de vistosos tapices muy del
(tiempo.
Por Alfombras se pisaban
Carmesies, Terciopelos,
que à nuestro Alferez Mayor
el afecto no dexa lucir menos.
Para Magestad, y Sitio,
con las Milicias del Pueblo
formaron Cuerpo de Guardia
con el règimen justo de orden
Regio.
Lugar de Guardias de Corps
ocupan los Granaderos,
y Bayonetas caladas,
Centinelas le sirvẽ à su Dueño.
Assi, dispuestas las cosas,
yà vino llegando el tiempo
de que hiciesen sus entradas
los bizarros primeros de los
(Gremios.
Estos entran por sus turnos,
todos de lucir diverso
y en la variedad consiste
del aplauso el vistoso lucimiento.
El Gremio de San Antonio
entra en la Plaza el primero,
con su Dànza bien dispuesta,
y un vistoso enigmatico embeleso.
Venian porcion de Moros.
muy proprios en su remèdo,
igual parte de Christianos,
cada qual con su Moro esclavo,
(y preso.
Del piè arrastra las cadenas,
y con los rostros risueños
mostraban que en ser de España,
es libertad, y gloria el capti-
(verio.
Y assi lo publican gratos
de sus tarjetas los ècos,
que à competencia fixàdos
de sus hombros pendian los con-
(ceptos.
Cerraba esta hermosa Tropa
el Campeòn mas Guerrero,
UNICO PATRON DE ESPAÑA,
TUTELAR DE GALICIA,
HIJO DEL TRUENO.
Quatro hermosos Serafines,
à toda costa dispuestos,
à SANTIAGO acompañaban,
pendiendo de sus manos mil
(troseos.
Assi dàn buelta à la Plaza,
sin

A outra corrida da que temos noticia é a do 8.10.1746 para festexa-la chegada ó poder do rei Fernando VI (outro que prohibiría as corridas). Nese ano de 1746 o P. Sarmiento escribe en galego as coplas que, entre outras cousas, aluden ás corridas de touros de Madrid [74] para festexar en xullo o mesmo acontecemento. Nas festas de Lugo houbo corrida, foguetes e danza. Unha relación anónima relata os festexos e dela entrecollemos estes versos (An-0; o lector interesado pode le-lo texto completo no capítulo 16.1. *A vaca na literatura*):

Dispusieron, que el dia ocho
sea del gozo el primero,
y con corrida de Toros
empezò sus delicias el contento.
... ...
Assi esperaba el Concurso
vèr aquel Bruto en el Cêrco,
que sinò al Signo de Tauro,
al mismo Tauro excede en lo
sangriento.

A este Paysano derriba,
à aquel Truhàn hecha al buelo,
al Licenciado acomète,
y aun se burla furioso del acèro.

A este le siguiò el segundo,
y los demàs se siguieron,
tan feròces, que ninguno
podia decir qual de ellos fuè el
primero.

De fenecidos los Toros,
las luces amanecieron
en tanta luz, que la noche
se perdiò por entôces su derecho.

Tampouco no caso de Lugo queda claro se se mataban os touros, porque *fenecer*, segundo os dicionarios da Real Academia Española desa época (1732, 1780) significa primeiramente "acabarse, terminarse ó tener fin alguna cosa" e só como segunda acepción "morir, ó fallecer".

Fernando VI, festexado con corridas de touros, prohibiu por Real Decreto de 10.05.1754 as corridas, querendo fomenta-la cría de gando vacún:

> *Con cuyo motivo se experimenta escaséz de bueyes y carestía de su precio, para el uso de las labores y carreterías tan útiles al Reino en los transportes, como también para el abasto de las carnicerías, además de otros inconvenientes que resultan de aquella peligrosa diversión* (PPC:309).

11.7.4. Compostela, a excepción taurina dos Anos Santos

En Compostela na procesión do Corpus non ía boi senón unha monstro ou tarasca que simbolizaba o demo e que padecía agresións físicas e verbais durante toda a procesión (como vimos en 11.6.2.).

En cambio, Compostela nalgún momento quixo remonta-la tradición das corridas de touros ó século X e disto xa falamos en 11.4.2.3. Ata onde chega a nosa información, Compostela disputa con Lugo o feito de se-la primeira cidade que trae *toros de Castilla* e toureiros que toureaban en Madrid, é dicir, a adaptadora das corridas galegas á moda da Corte.

Non se pode asegurar que os *touros* de Compostela seguisen no século XVIII o ritual e regulamento vixente en Madrid (*toros de muerte*) pero o P. Sarmiento asegura nese mesmo século que en Galicia non se criaban touros bravos para as corridas e que os que se corrían en Compostela traíanse, por certo, dos montes de Fecha (parroquia situada ó norte da cidade [75]).

A presenza cada 25 de xullo en Compostela dun delegado rexio co seu séquito (para a ofrenda real do Voto de Santiago) favoreceu a organización de corridas e posiblemente a adaptación ó gusto da Corte, dado que probablemente desa mesma Corte viñan os tales delegados rexios.

---

[74] *Tamen o meu dono / me dixo por certo, / que na corta feira, / doze do mes mesmo, / ala no Retiro / [h]abria un castelo / con muitos foguetes / e muitos facheiros. / Supoño sera, / pouco mais ou menos, / como o que Maruxa / contou por extenso./ E mais tamen dixo / o meu zapateiro, / que na quinta feira, / por fin dos festejos, / que o rey ja mandara / polo seu degredo, / ouvesse corrida / de touros mui feros, / na praza Mayore, / e querian vêlos / os reis no balcon / sentados e quedos. / E porque nosoutros, / que estamos tan lexos, / aquelas festiñas / jamais as veremos / Maruxa das Rulas, / que te estas comendo / por falar hum pouco, / fala que eu che espero. Maruxa: Canto ti falache, / Perucho dos Merlos, / e denantes dixo / Minguiña do Rego, / foy humha marouza / de entullo e de rebo, / que ten pouco zelme, / nen vale dous beldros. / Esas cinco festas, / os reis no paseo, / praza alumiada / como monimento, / mais os moxigangos / cos teus zapateiros, / corridas de touros, / foguetes, castelos, / quizabes, quizabes / por outro degredo / jamais se faran / faltando o diñeiro. / Aínda se fagan / que temos con eso? /se as guerras prosiguen, / con festas comemos? / Hum millor agoiro, / esperando en Deos, / nos da noso rey / don Fernando Sexto; / Meu dono, ó que dixen, / como era discreto, / savia do mundo / e mais de governos...* (FMS5:147-148,1020-1035).

[75] Parroquia de San Xoán de Fecha, en tempos concello de Enfesta e, dende o último terzo do século XX, concello de Santiago.

Non temos moitos datos de cómo eran estas corridas e os que temos debémosllos a Pérez Costanti, antigo arquiveiro do concello de Santiago, que afirma que as corridas en Compostela eran tradicionais (as do Apóstolo na praza do Obradoiro; e as doutras festas, na Porta do Camiño, na praza do Campo, na rúa de San Roque e no Toural de Faxeiras); que a propia Universidade organizou unha corrida en 1707 celebrando o nacemento de Luís I, o primoxénito de Filipe V; que as do 24.07.1747 no Obradoiro duraron dúas horas e que as autoridades políticas e relixiosas se repartían entre os balcóns de Hospital, do pazo Arcebispal, do Cabido e de San Xerome; e que, cando estivo acabado o pazo de Raxoi, propiedade da Catedral, os balcóns alugáronse a 300 reais. Conta tamén que en 1746, por cadrar co loito oficial por Filipe V, houbera que suprimila:

> *no sin que el Alcalde de Santiago... hubiese manifestado ... el 18 de julio, 'que las funciones festivas que se hacen a honor de Dios y de sus santos, no deben suspenderse por la muerte del Monarca, cuyo sentimiento se manifiesta por otras reglas y términos'* (PPC:308).

Repárese nesta importante afirmación de que as corridas forman un todo inseparable da *función que se hace a honor de Dios y de sus santos*. Esta vinculación entre corridas e relixión, que hoxe pode parecer incrible [76], era daquela algo institucionalizado. Cando oito anos máis tarde (10.05.1754) Fernando VI prohibe as corridas de touros [77], o concello de Santiago (7 de xuño) acordou publicar un bando con esta prohibición pero acordou tamén solicitarlle ó rei que fixese unha excepción para as corridas da súa diocese Pontevedra, Noia, Padrón e Compostela.

> *se sirva dar su Real permiso para las corridas de los nombrados toros que se acostumbran en las villas de Pontevedra, Noya y Padrón, en obsequio de los patrones de ellas y especialmente en la fiesta que se hace en esta ciudad la víspera del Gran Apóstol Patrón de las Españas, Señor Santiago, cuya función se ha hecho siempre, casi desde el tiempo de la invención de su sagrado cuerpo* (PPC:309).

E, en recibindo resposta negativa (19 de xuño), o concello compostelán insistirá (1 de xullo) con este argumento:

> *Esta función dice alusión sagrada a los toros que de Iria Flavia, ahora villa de Padrón, condujeron a Compostela su apostólico cuerpo; y casi desde su maravillosa invención se continúa, ya que solo en el nombre es de toros, quando en realidad no hay granjería de estos en Galicia, y que ni por el riesgo de la corrida, que no es agitación de fieras, que es solo de quatro bueyes que, corridos, se destinan al abasto público, puede dicha solemnidad impedir los efectos a que se dirije el Real celo de V.M.; conduce, si, para la diversión de tantas gentes que en aquel día concurren a adorar este milagroso Apóstol, ante cuyo santo templo se hace este festejo; pide la Ciudad a V.M. se sirva declarar no deber comprenderse bajo la Real prohibición, por distar mucho del Real ánimo de V.M.* (PPC:309).

Estes dous textos son importantes. O primeiro afirma que as corridas se fan *a honor de Dios y de sus santos*. O segundo cita o territorio da diocese compostelá arguíndo que as corridas nelas son unha tradición pluricentenaria [78] e, aparentemente, tamén paralitúrxica. ¿Será esta tradición un invento dos taurófilos composteláns do século XVIII (ós que en Madrid non podían desmentir por falta de datos) ou é certo que as corridas de Santiago e das vilas da súa diocese foron na súa orixe unha procesión ou algún outro rito paralitúrxico creado para recorda-la tradición da traída do corpo de Santiago nun carro de bois a Compostela?

Non podemos excluír que o carreto dun corpo santo a Compostela en carro de bois dexenerase en corrida de bois (xa sen carro e sen santo), aínda que temos que lembrar que na Franqueira unha tradición semellante mantense aínda hoxe no seu formato primitivo; pero o certo é que hai unha tendencia a banalizar ritos e tradicións e tamén á ritualizar banalidades (coma a queimada galega): o tempo dá escurecido

---

[76] Lembremos, mesmo así, que un canto relixioso a San Firmín inicia o "encierro" de Pamplona e que, entre outros, o de El Piñero en Zamora convócase en 2009 *en honor de Santa María Magdalena.*

[77] O Real Decreto de *prohibición general de corridas de toros* pretendía fomenta-la cría de gando a causa da esterilidade de pastos (¿habería unha seca?) e *del abuso introducido con el empleo de terneras* [sic] *en las fiestas de toros*. Parece que había *escasez de bueyes y carestía de su precio para el uso de las labores y carreterías... como también para el abasto de las carnicerías* . E en consecuencia dispuxo que nos seus dominios *cesen, por ahora, y hasta nueva Orden, las fiestas de toros, aunque sean de las que se executen con pretesto de devoción, culto ú otro qualquier estilo, esceptuando solo las de la corte* (PCC:309). Observamos que era unha prohibición temporal (*por ahora*), que inclúe as que se celebren *con pretesto de devoción, culto* (logo xa se esperaba o amparo relixioso como pretexto) e mantiña as corridas na corte (co que tiña contentos ós cortesáns).

[78] O enciclopédico ERG recolle esta noticia s.v. *touros.*

motivacións primitivas. Aínda que neste caso non estea demostrado, en principio, non é imposible que unha procesión con bois se transformase en carreira de bois e que a carreira de bois se transformase en loita de capa e espada co animal.

Sexa o que for, aquí emerxen dous feitos. Primeiro, a maquinaria do poder civil compostelán en 1754 intentou que sobrevivise excepcionalmente a corrida de touros en Compostela e con éxito [79]. Certa ou falsa, a inocente tradición xacobea actuou como soporte ideolóxico da corrida de touros. Segundo, dáselle especial significación ó feito de que os touros se corren ante o santo templo de Santiago (*para la diversión de tantas gentes que en aquel día concurren a adorar este milagroso Apóstol, ante cuyo santo templo se hace este festejo*). Terceiro, se o alegato de 1.07.1754 non é unha mentira eufemística, o *correr touros* en Compostela era algo moi distinto do que no resto de España se entende nesta época por *corridas de toros*.

Pode resultar curioso que o concello civil asumise a continuidade dun rito que se apoiaba en motivos vagamente relixiosos e que o alto clero só pareza asistir ó espectáculo.

Máis tarde unha Real Pragmática (de 9.11.1785) prohibiu os *toros de muerte* e ese ano *corriéronse novillos* pero no Ano Santo de 1790, e a petición do arcebispo, Compostela volve conseguir unha excepción que permite *la continuidad de las fiestas del Santo Apóstol en sus vísperas, con corridas de toros y uso de fuegos, como excepción de la prohibición general.* Nesta houbo seis corridas de *toros de Castilla* e viñeron toureiros de fóra (un deles o sonado Pepe Hillo). Aquí o soporte eclesiástico foi explícito e efectivo (PPC:310).

A derradeira vez que se correron touros no Obradoiro parece que foi en 1802. No 1813 e 1819 montouse a praza no que hoxe é a entrada da Alameda. En 1813 non había diñeiro e buscáronse bois bravos nos montes de Fecha (Santiago) [80] e, para monta-la praza, utilizáronse os 1.032 presos franceses (¿da Guerra da Independencia?) que estaban no cuartel do río dos Sapos (¿onda santa Isabel?). En 1819 volve haber corrida de touros pero o empresario que a organiza arruínase (vese que por falta de público). Este dato tamén é importante, porque revela que, mentres no resto de España a tauromaquia se consolida e unifica, en Galicia, en cambio, non atrae; e veremos que mesmo empezan a aparecer moitas manifestacións contrarias a este tipo de espectáculos.

Non volve haber corridas en Compostela ata 1852, data na que uns compostelán ricos montan a praza preto do Hórreo, onde hoxe está o edificio Viacambre. E as máis polémicas foron as corridas de 1853, o ano da fame, ás que se opón incluso o arcebispo García Cuesta afirmando que:

> *La estrepitosa diversión de las corridas de toros, en medio del azote del hambre con amago de peste, parecíale una provocación hecha al cielo y un escándalo para las demás provincias de la católica España* (PPC:313).

Posteriormente houbo algunhas outras corridas esporádicas (da de 1877 sabemos polas críticas que recibe do semanario *O Tio Marcos d'a Portela* e que veremos en 11.9.1) pero posiblemente xa nunca volveron encontrar na xerarquía eclesiástica aquel apoio ideolóxico.

O caso de Compostela, mellor coñecido ca outros, parece dicirnos tres cousas. Unha, o espectáculo das corridas foi iniciativa do poder civil e do eclesiástico, non do pobo, e apoiouse nunha simboloxía supostamente relixiosa. Dúas, acabou esmorecendo por falta de apoio do público. E tres, non callou na previsible construción dunha praza de touros permanente [81].

Todo parece indicar, polo tanto, que, na forma en que nesa altura se celebran, trátase dun espectáculo que o pobo non entende ou que non cadra xa coa sensibilidade da maioría dos cidadáns; que derivou nun rito culturalmente alleo; que é unha superestrutura do poder.

---

[79] A solicitude de excepción fixose ante o *Gobernador del Real Consejo, Obispo de Cartagena* e este contesta o 19 de xuño *que no tenía arbitrio para alterar la resolución de S.M.* O concello non se dá por vencido e insiste ante o monarca por man de José de Mosquera, *Diputado General de Galicia en la Corte*, co argumento de que *Esta función dice alusión sagrada...* (PCC:309). Para asegura-lo éxito piden tamén a xestión ante o rei doutros persoeiros, entre eles o duque de Sotomayor e o arcebispo de Santiago. Conseguen o seu propósito, porque o 16 de xullo chega ó concello un escrito do Marqués de la Ensenada no que di que *ha resuelto S.M. que se exceptúe esta fiesta de la prohibición general, en atención a su objeto, a la posesión inmemorial y a los demás motivos que causan este regocijo* (PPC:310).

[80] Acordouse que se trouxesen os animais *de los que puedan hayarse en los montes de Fecha, y aun se encarguen, si fuese posible, algunos de los de Cabrera en la provincia de León* (PPC:311).

[81] Falouse de construír unha en 1906 pero a que máis durou (e, para iso, dedicada a bailes e espectáculos teatrais) foi a praza de madeira que a familia Paz Nogueira mantivo nun seu terreo no Castiñeiriño arredor de 1960.

11.7.5. As corridas de Noia e Padrón

Xa vimos que en 1754 o concello de Santiago intentou eximir da prohibición de Fernando VI as catro vilas da diocese compostelá: Compostela, Noia, Padrón e Pontevedra. Iso quere dicir que nesa data xa se celebraban.

En tempos as corridas de touros en Noia parece que se facían onde aínda hoxe se chama *O Curro,* espazo rectangular que xa nos fala dunha corrida á moda antiga. É sabido que os animais nas corridas medievais tendían a refuxiarse nos currunchos e defenderse alí como podían; e, como este feito limitaba o espectáculo, no XVII empezouse a mata-los ángulos das prazas, co que empezaron a aparecer primeiro prazas poligonais e finalmente elípticas ou xa redondas (FFRO:79-80). Outro dato que indica antigüidade na corrida de Noia é que seica non incluían o espectáculo da agonía e morte do animal. Fundámonos para dicir isto nun dato indirecto anterior a 1780 (debía ser recente porque no texto que imos ler chámalle *un casito fresco*).

Diego Antonio Cernadas y Castro, parroco de Fruíme no concello de Lousame, conta o caso dun portugués que estaba de paso en Noia no día da corrida (día de Santa Ana, 26 de xullo) e empeñouse en tourea-lo animal pero este escornouno e feriuno de mala maneira e el despois porfiou en merca-lo animal para matalo en vinganza, porque a el ninguén nunca lle fixera unha que non lla pagara. Sentíase especialmente ofendido porque quen o ferira fora, inda por riba, un boi galego. O cura de Fruíme faille uns versos satíricos á fanfurriña do portugués e estes versos convértense indirectamente nun documento histórico para este asunto. Nel empeza por marcar tres diferenzas entre as corridas galegas (non só as de Noia) e as do resto de España: primeira, *los toros... eran de trabajo* (é dicir, son bois que ordinariamente traballan no carreto e como sementais, non son da raza de *toros de lidia*); segunda, *Los de otros Reynos en nuestra España hacen donayre ó burla de los toros de Galicia, porque no les parece funcion aquella donde no hay desgracia: tienen por hermosa la fiereza, y la bárbara temeridad por hazaña*; é dicir, polo que parece estes animais non tiñan a agresividade dos do resto de España; terceira, acabada a corrida, o toureiro portugués pide que llo vendan para matalo e vingarse: logo, polo menos en Noia, os animais non se mataban dentro do espectáculo. Son importantes estes datos porque non fala só dos de Noia senón de *los toros de Galicia* en xeral.

O texto empeza falando dos touros de Noia e remata falando dos de Padrón. Pola súa importancia, querémolo reproducir íntegro:

> [71] *Para la diversion del Pueblo estaban destinados quatro toros festivos, esto es, que aunque eran de trabajo, se habian de guardar, porque eran de aquellos que hay para santificar las fiestas. Los de otros Reynos en nuestra España hacen donayre ó burla de los toros de Galicia, porque no les parece funcion aquella donde no hay desgracia: tienen por hermosa la fiereza, y la bárbara temeridad por hazaña. Prueba de esto es un casito fresco, que sucedió ahora, dia de Santa Ana en la Villa de Noya. Corriéronse unos toros aquel dia, y un Portugués, que habia llegado con una caravela de sal á aquel Puerto, bien conocido por el nombre do Capitan Carballo, tuvo la humorada de ir á verlos. Púsose de planton en la Plaza, quando ya un toro andaba bien mohino en ella. Advirtiéronle que se pusiese en seguro, y él hizo desprecio del aviso. Irritado el toro* [72] *con la garrocha ó el silvo, echó á correr furioso ácia donde estaba el Capitan Carballo. Diéronle voces para que se resguardase, y él se mantuvo finchadamente firme, de modo, que el bruto le sacudió tan á su salvo, que le hizo ir rodando hasta un poste, donde encontró otro golpe por remate; y si el toro echase el compás mas recto, le haría salir sin duda la hinchazon por el ombligo. Lo donoso estuvo, en que acudiendo otros á levantarlo, preguntándole si se habia lastimado, respondia con vano disimulo: "*Naon por certo*". Como le viesen ir renqueando, le decian que mirase por sí, que se habia hecho mucho mal: "*Apostemos á que naon*". Porfiaba despues en que habia de tomar la satisfaccion al toro, y pedia se lo vendiesen para matarlo, y vengarse á su gusto; y "*ninguen ma fez, que ma naon pagase*", y por ultimo acabó de explicar toda la razon de su enojo, diciendo: "Eu naon me pasmo, sinaon de que ó boy galego se atrevese á min". De cuyo delirio no sé si acabó de sanar en algunos dias, que le costó de cama. ¿Podrá darse desatino mas clásico? Si yo me encontrase allí, paréceme que no me podria contener, sin decirle á este Mofino en su idioma, para que mejor lo entendiera, este par de claridades.*
>
> *Meu Carballo, tu estás cego*
> *porque, si ben ó reparas,*
> *sin saber con que bois aras,*
> *te zombas do boy galego:*
> [73] *agora sabrás, Borrego,*
> *adonde te aperta ó callo,*
> *pois, ainda sendo un Almallo*
> *Galego, como á ó desgayre,*

os dous garfos de Pao de ayre
soupo enxertar nun Carballo.

Déixate ó touro ferido,
é tí, por verte vengado,
ó querías ter comprado,
cando él te tuvo vendido:
disparate conhecido,
comprálo, para ó matar,
eso era virche á costar
dobre as tuas fanforriñas,
pois, cando pagas llas tiñas,
llas volvias á pagar.

Estos efectos tiene el hacer escarnio de la mansedumbre. Yo juzgo que los toros de Galicia son los menos malos, porque son menos maliciosos, ó malignos. Correr toros se llama la fiesta de ellos: en corriendo toros bien, ya no hay mas que pedir. Fuera de que en Padron la mayor excelencia de los toros es el ser mansos. Ese es el testimonio mas evidente de su antigüedad respetable. Véngase á Padron el que quisiere ver toros, y verá milagros. Todos los que saben la causa por que esta Insigne Villa mejoró en el nombre de Padron el que tenia de Iria Flavia, no ignoran que los toros mas indómitos, en trayéndolos á Padron, ya vienen como corderitos. Este es el privilegio prodigioso de este Lugar desde que el [74] *sagrado cuerpo del Santo Apostol descansó en él, que al toro mas fiero le pueden mandar á tirar de un carro. Por eso cada corrida de toros en Padron es una maravilla, que hace demostracion del grorioso origen de su mayor honra. Yo no he visto los de este dia; pero según noticias, paréceme que no serían peores que estas DECIMAS* [82].

E, a seguir, o Cura de Fruíme explica a aparición no espectáculo de Padrón dun touro de lume [83]. É ben posible que este touro de lume non fose un bovino con lume nos cornos (coma o actual de Medinaceli) senón un artiluxio pirotécnico con feitura de boi, porque, de feito, di *toro cargado de fuego, que fabricó la Ilustre Villa en holocausto, por símbolo de su abrasado afecto á la Sagrada Familia del Carmen Descalzo.* Se o fabricou non era un animal vivo. Con todo a simboloxía relixiosa (Elías e o monte Carmelo) non está

[82] *Para festejos sagrados, / Padron los toros ofrece, / Tan hermosos, que parece / Que vienen allí pintados: / Los colores encarnados / Matizan sobre su piel / De trecho á trecho un clavel, / Y por mantener la tela, / Pone le quadro la Plazuela, / Y la garrocha el pincel. / Píntanlos algo blandujos, / Pero por lo que percibo, / Se les bosqueja lo vivo, / Si los meten en dibuxos: / Dios nos libre de sus pujos, / Tanto como del infierno, / Que aunque son de genio tierno, / Si es que les cargan las mantas, / Al que les quiere echar plantas, / Lo saben mandar á un cuerno. / Por esto, según la traza, / Aunque por su buen humor, / No son toros en rigor, / Ellos van pasando plaza: / [75] Para serlo no embaraza / Su pachorra, y su solaz; / Y es la razon eficaz, / Porque si como se vé, / Hay Moros de paz ¿por qué / No ha de haber toros de paz? / Quando alguno los acosa, / Ya limpian bien el terreno; / Mas que de su bueno á bueno / Lo han de hacer, es fiera cosa: / En ellos no es vergonzosa / Condicion el ser sufridos, / Puesto que aunque con bufidos / Rompan, hieran, desbaraten, / Por mas y mas que los maten, / Siempre han de quedar corridos. / Un Castellano salió / Á la plaza, y con porfia, / Ah toro, ah toro, decia, / Y él crédito no le dió: / El Jaqueton se atufó, / Teniéndolo por desdoro, / Y un Andaluz, medio moro, / Le dixo ¡qué lindo vá! / Toro cien leguas está, / Y pregunta aquí por toro. / Como se enfadase el hombre, / Le dixo: delirio es ese, / Si quería que viniese, / Llamárale por su nombre: / Que no venga no se asombre, / Si el reclamo errado fué, / [76] Porque viendo al toro, que / Como una ovejita está, / No habia de decir, ah! / Que habia de decir, bé. / A otro toro, algo mas fuerte, / Quiso capear con todo; / Mas no le salió de modo, / Ni de una, ni de otra suerte; / El marrajo bien advierte, / Que el llamarle era solapa, / Y decia: no me atrapa: / ¿qué, pegármela pensó / con esa capa? Pues nó, / que yo me estaré á la capa. / Viendo esperanzas tan pocas, / Dixo al toro un escolar, / Si así te dexas tratar / Tibi aras, tibi ocas: / La chusma á tontas y á locas / Con los toros se divierte, / Probando en todos su suerte, / Y tanto los apretaron, / Que dicen, que si libraron, / Fué porque no eran de muerte. / Para funciones como esta, / Estas en buena razon, / Las fiestas de toros son, / Porque son toros de fiesta: / El que intrépido se arresta / Á burlarse con lo fiero, / Es un gentil majadero, / Perdónenme su decoro, / [77] Pues por ir á dar al toro, / Va á dar tal vez al carnero. / De estos toros me enamoro, / En que sin riesgo las gentes / Se alegran, como inocentes, / Y se andan jugando al toro: / Así estuvo sin desdoro / La fiesta muy divertida; / Y si está menos lucida / En mi descripcion, á fé / Tengo disculpa, porque / Todo esto fué de corrida* (Fruime: 74-77).

[83] *Los que con sana intencion leyeren este papel, no tendrán por ironía lo que es sinceridad. Lo cierto es, que los toros fueron así, y asado, porque el último salió del toril revestido de fuego artificial, con que se vió en la plaza el toro de Perilo con lo de adentro para fuera, esto es, al reves, porque aquel fue inventado para tormento, y este para regocijo. Hasta en esta idea lo lució la discrecion de los Señores Alcaldes, que supieron conformar la festiva invencion con el objeto de esta celebridad. Era este dar á los verdaderos hijos de Elías un parabien de sus glorias, por ver en su nuevo Templo Carmelitano adorado al Dios verdadero; y para este asunto no podia discurrirse festejo mas propio, que el de un toro cargado de fuego, pues en eso se imitaba el exemplar, y el gusto con que el grande Elías celebró tambien en el Carmelo la reedificacion del Altar, en que hizo reconocer, y adorar al verdadero Dios de Israel, entregando á la llama un buey por [78] víctima. Esta alusión á mi entender tenia el toro cargado de fuego, que fabricó la Ilustre Villa en holocausto, por símbolo de su abrasado afecto á la Sagrada Familia del Carmen Descalzo. A este toro llegó el Pasanton treintenario, que el dia de ayer habia estado con la boca abierta á ver la procesion; y como á esta hora, por haber*

lonxe do espectáculo tauromáquico; pero o autor remata contando un accidente no remate da corrida que afortunadamente queda en nada [84]. De espectáculos pirotécnicos coma estes dá noticia Filgueira Valverde para Monforte de Lemos en 1620 (XFV41:235) e para Compostela en 1754:

> *Cando se abriu a Porta Santa, no 1754, saíu unha 'carroza de fuego' con catro figuras: América, cun caimán; África sinificada por un león; Asia cun marfil; Europa cun boi, e tamén 'cabalos de fogo'* (XFV43: 145).

En 1889 *n'O Novo Galiciano* dáse noticia dos touros en Noia [85]:

> *Pola festa do patrón qu'é, San Bartolomeu dan corrida de touros; a praza é unha calle ancha cerrada con soportales.*

Falando das corridas de Padrón, lembremos que a tradición parece indicar que corrían *bois de Laíño,* que o boi de Laíño é prototipo de boi manso, cousa que cadra co que o concello compostelán afirmaba en 1754: *ya que solo en el nombre es de toros*.

11.8. Crítica do P. Sarmiento á cría de touros de lida e ás corridas de touros

Falándomos do século XVIII é inevitable darlle a palabra ó galego residente en Madrid con máis prestixio na corte real: o P. Sarmiento. El é quen nese século redacta unha das más extensas, detalladas e razoadas críticas non só das corridas senón tamén da cría do touro de lida.

A visión de Sarmiento é todo menos simplista: non podemos esquecer que foi el precisamente quen explicou o simbolismo orixinal da presenza do boi nas procesións do Corpus e quen, polo tanto, atinou a facernos comprende-la antiga e estraña vinculación entre corridas e relixión.

As reflexións do sabio pontevedrés forman unha longa digresión dentro do volume 5º e último da aínda inédita *Obra de 660 pliegos* (FMS4:6857-6909) no que manifesta as súas coñecidas teses contra a gandería irresponsable (que el personifica na poderosa Mesta), e fala doutros festexos populares que figuran como alternativos. O texto presenta unha vez máis a gandería galega como un sistema moito máis racional e resalta que non é habitual que de Galicia saian toureiros (aínda que cita a Manuel Martínez de Monforte, toureiro de vara).

---

pasado el refresco, estaba algo chamuscado con el calescimus illo, se puso á chufletear con el animal como un bruto, diciendo de este modo: ROMANCE ENDECASILABO. / / ¿Adónde vas, monstruosa salamandra, / que entre la viva llama estás mas viva? / No eres el Fenix, no, que estás sin plumas, / Serás un pedernal, que brotas chispas. / ¿Mas si acaso serás aquel brillante / bruto, que á toda Europa tuvo encima, / y harto ya de ser Signo entre los Astros, / ser Astro entre los brutos solicitas? / O serás un quadrúpedo vesubio / Que de nitroso espíritu te animas, / Y por buscar mas pasto á tus volcanes, / Pretendes de Iria Flavia hacer Sicilia. / Salamandra serás, bien lo pareces, / Pues eres una mala sabandija, / Que vas por donde pasas apestando / Con el ayre sulfúreo que respiras. / [79] Serás un pedernal, pues si te hiere / Azerado eslabon la banderilla, / Encendida la sangre, que derramas, / Son centellas las gotas, que respiras. / Astro serás; mas no el celeste Tauro, / Cuyo testuz las Hyadas enrizan, / Sino cometa adusto, que caudato / En el moño embucló llamas crinitas. / El vesubio serás, pues en tus faldas / Brollan de tus entrañas derretidas / Fuentes bituminosas de alquitranes, / Hediondos arroyos de resinas. / ¿Pero qué digo? Espera, espera un poco, / que la Musa parece que delira: / ni salamandra, ni perdernal eres, / ni Tauro, ni vesubio, ni geringa. / Eres un animal, porque consientes / Te traten como un puerco en este dia, / Pues debiendo tu piel ir al pelambre, / Dexas que haya con ella chamusquina. / Eres un bruto, porque consentiste / Que así te calentasen las costillas, / Pudiendo tú, sin irlas buscar fuera, / Darles á esos bufones un par de higas. / ¿Qué haces, bárbaro, ahí con esas astas, / que no haces de ellos todos mil astillas? / Date de ellas con ellos, aunque encuentres / Quien con armas iguales te compita. / ¿Es bueno, que teniendo esas dos puntas, / no te pongas con ellos de puntillas? / Anda, que aunque les des quatro puntadas, / Te las merecen bien, pesia sus tripas. / [80] Si te aturde el rumor de los tambores, / No son menos marciales las bocinas, / Y para competencia de su caxas, / No te faltan á ti dos cornetillas. / Pero no has de ser bueno, aunque te quemen, / Pues veo sufres tanto las cosquillas, / Que te hacen reventar por los hijares, / Sin que una sola vez de ellos te rias. / Ea, pues, ten valor, pues hacen mofa, / Tira á desempullarte, haciendo riza, / Y no dexes de todos ningun rastro, / Antes que hagan de tí carnicería. / Si esto no haces, por mucho que chispees, / Vendrá todo á parar en que te digan, / Que vayas á tirar de una carreta, / Pues te dexas tirar de carretillas (Fruime: 77-80).

[84] *Aun iba á decir mas el Poeta polaynudo, á quien, por haberse criado entre las vacas, dolia tanto ver que tambien habia martirios para los brutos, pues á quien le hacian cargar á cuestas las parrillas, y sin quitarle la piel se le veian por defuera las asaduras; pero le atajó el sobresalto la gritería de un peloton de gente, sobre la qual se desplomó una parra y unas colunas de piedra en que estaba sostenida, que no pudiendo resistir el peso de tantos como á ellas se arrimaban, se echaron con la carga. Todos pensaron (y no sin fundamento) que aquel racimo de personas quedase allí estrujado debaxo de aquellas piedras de lagar; pero gracias á Dios no se oyó mas queja, que la comun aclamación, que repetia: ¡Milagro de S. Joseph! ¡Milagro de S. Jo-[81]seph! Por eso tambien se dixo arriba, que el que quisiese ver toros, viniese á Padrón, y veria prodigios. Con este (que á algunos se lo pareció) concluyó la Ilustre Villa su magnífica fiesta (Bendito sea el Santo) sin la menor desgracia* (Fruime: 80-81).

[85] An15:21.

Aínda que o texto é longo e difuso, porque Sarmiento escribe indo dunha cousa noutra, tal como vai pensando, estamos seguros de que máis dun lector agradecerá que o reproduzamos practicamente íntegro. Respectámo-la grafía do frade bieito en todo menos no seu estraño uso da maiúscula inicial.

(6857) *A la pregunta que se hace, en castellano:* ***A donde irà el buey***, ***que no arè***? acompaña la respuesta: ***al matadero***. yo respondo: ***a Castilla***; despues que vi ***arar*** la tierra, o ***arañarla***, con ***mulas***. La dixe, y conocen todos, que esa mal introducida practica, es una de las causas del atraso de la ***agricultura***. Estoy aturdido de que, estando tan palmario, y ***evidente***, en juan de avieta, ensu tratado de la ***fertilidad de España***, desde la pag. 346, el ***tanteo*** de lo que cuesta ***labrar*** con ***mulas***, ô con ***bueyes***; y del infinito util de estos, superior à el de aquellas; aya quien are con mulas. Esa practica perniciosa se conserva entre los que quieren hacer obstentacion de que poseen muchas tierras labradias; y que ni cultiban, ni pueden cultivar. Asi, insensiblemente se bà acabando la cria del ganado bacuno, y del ganado cavallar. Quejanse los ***soldados***, de que está muy deteriorada la cria de los ***cavallos*** en ***Andalucia***. Por otra parte, alli no ay cria de ***mulas***. Y en las Castillas, por la cria de tantas mulas, es corta la cria de ***cavallos***; y à no ser por la barbara ***fiesta de toros***, seria mas corta la cria del ganado ***bacuno***.

(6858) *De manera que en las dos* ***Castillas***, todo el cuidado se pone en criar mulas, ***machos***, y toros, tres animales inutiles, y aun perniciosos, para la ***agricultura***, y solo utiles, para venderlos carisimos. No dudo que ***machos*** y ***mulas*** tienen su utilidad para ***porteos***, y ***acarreos***; pero no para el ***cultivo de las tierras***. En el ***Chronicon Emilianense***, ay 12 antonomasias, que se podràn leer en la pag. 549 del tomo 2º de las ***antiguedades*** del Pe. *Berganza. En la era 921, ô en el año de Christo 883. era dho. comun en* ***España***: ***cavallus***, de ***mauris***: ***mulus de hispali***. Entonces las mas celebradas ***mulas***, eran las de ***Sevilla***; y los mas famosos ***cavallos***, eran los de los ***moros***. Esto bien lo sabia el ***papa Juan*** 8º pues en ***Sampiro***, se halla la ***epistola***, que ese papa escribio à d.n ***Alonso el Magno***, ô ***el*** 3º. le pide, que le embie algunos ***cavallos moriscos***, y con ***armas***, à los quales los españoles llamaban, ***cavallos alpharaces***.

(6859) La fecha de esa epistola, es del año de 871, aunque ay alguna disputa, sobre el numero fixo. Dice asi el papa Juan 8.º aliquantos utiles, et optimos mauriscos, cum armis, quos hispani cavallos alpharaces vocant, ad nos dirigere non obmitatis. Y dà la razon; por que le perseguian los sarracenos: quia valde a paganis opprimimur. Pharaz, en arabigo, significa caballo. Lo que noto es, que aunq.e avia tan buenos cavallos: ***cavallus de mauris***; tambien avia excelentes mulas, y machos: ***mulus de Hispali***; y es creible que unicamente sirviesen para la arrieria, y porteo, por que, ô no tendrian, ô tendrian pocos camellos. Y el cultivar hoy los andaluces, sus cortijos, con bueyes; es señal, que lo mismo hacian los moros, como tan dados a la agricultura.

(6860) Y que ***diremos*** de unos animales, brabos, silvestres, que llaman ***toros***? lo que d.n ***Phelipe*** 5º. dixo de esa barbara ***fiesta***; y que por tal la prohivio 20 ***leguas*** alrededor de ***Madrid***; asta que por un ***acaso politico***, la permitio una vez, el año del 725. Ojala Phelipe 5º. huviese prohivido esa barbara fiesta en toda España; y bien seguro es, que el año de 725, ninguno pensaria en ella, para engañar al rey. El animal mas inutil, mas nocivo, y mas pernicioso, que ay en España, es el ***toro*** (separando los que han de ser ***padres***). Las toradas, y ***bacadas*** tan numerosas, que ocupan, pisan, y pastan tan espaciosas ***dehesas***, solo sirben para aterrar a los ***caminantes***, si algun ***toro*** se suelta, y sale a los ***caminos***; como el ***ansar de Cantimpalo***, ô según la version de ***Quevedo***, el ***asno***, que salia al ***lobo***; y el ***toro***, sale a los ***pasageros***. A mi me sucedió en el ***camino*** à ***Salamanca***. Y son tan feroces los ***bueyes*** de aquellas vecindades; que no solo como ***toros***; sino tambien, ya como ***bueyes***, y uncidos a la ***carreta***, acometen a la ***gente***.

(6861) Quisiera saber, según un ***computo prudencial***, quanto ès el ***numero*** de los ***toros***, que ay en España, para calcular su inutilidad, y ociosidad, en lo que no aprovechan al ***publico***. Repartiendo ese quantioso numero de ***toros***, que hoy ***podrian***, y debian ser ***bueyes***, en parejas; y aplicando à ***cada pareja***, un ***arado***, y una ***carreta***, con su ***yugo***, serà facilisimo ***calcular***, quantas ***cangas*** de trigo, podrian ***portear*** anualmente à ***Madrid***; y quantas ***fanegas*** de sembradura, podran ***arar***, aun sin salir de las mismas ***dehesas***, que pastan, y ***ocupan***. Ese mismo pais ***cultivado***, darà para alimentar mejor esa tropa de animales; y para mantener al mismo tiempo muchas ***caserìas*** de ***labradores*** utiles, como sucede en ***Galicia***, en donde no ay torada alguna; y ay tanto ganado bacuno; pero todo manso; y que por estar repartido, y tener cada labrador pocas cabezas, las alimenta a mano; y sin necesitar de baquerizos, ni de pastores. Basta para eso el que el terreno del pasto estè cerrado, y à la vista; pues en Galicia es inaudita la peste de la Mesta, que tiraniza à los ***labradores***, oponiendose a que cada uno cierre sus heredades.

(6862) Si dentro de una ***caseria cerrada*** ay diferentes frutos, como sucede en ***Galicia***; el arbitrio que alli se tiene, para aprovechar la ***hierba*** que nace en los ***lìmites***, que dividen ***frutos***, y que llaman ***cómaros***, y ***comarèyros***; es ***segarla*** para el ganado. Y quando por ser pequeña, no se puede ***segar***; usan de un donoso artificio. Atan a los cuernos de un[a] baca, ô buey, mansisimos, una soga. Llevan la baca al comareyro para que le vaya pastando; pero un niño, o niña, tiene la punta de la soga, y va caminando hacia atras. Esto, para retraer à la baca que no eche la lengua a los frutos, con terminos, de maiz v.g. y mijo menudo. Si es niña, poco mas, ô menos de 10 años, se presenta con la rueca en la cinta, y con la misma mano tiene la punta de la soga, ô la tiene ceñida, y está hilando todo el tiempo. La donosura está, en que si la baca se quiere desmandar, y no la puede sujetar la niña; llora; y yo lo vi; y al punto vuelve la baca al pasto permitido, por su natural sujecion à la ***inocencia humana***; y sin necesitàr del verbo: ***niña llora***; ***y vencerás***.

(6863) Y siendo la leche, manteca, queso etc., el primitivo ***alimento*** de ***hombres***, y de ***animales***; y para los hombres, el alimento comun la leche de bacas; nada de esto abria con la grandes bacadas, que no se ***ordeñan***; yo escribiria, ***hordeñan***; pues viene del puro ***latino forda***, y ***horda***, que significa la ***baca preñada***, en visperas de parir, y de ***tener leche***. Asi, el verbo ***hordeñar***, que se aplica à obejas, ***cabras***, ***borricas***, ***camellas*** &, por ***antonomasia***, es proprisimo de las ***bacas***. Y ese verbo ***hordeñar***, serà de los mas antiguos ***castellanos***, por tener tan ***noble***, y ***rancio***, origen ***latino***.

(6864) *No dudo, que ay* ***queso de obejas***; de ***cabras***, y como se dice, de 60 ***leches***. Pero aun no he visto ***manteca*** de ***obejas***, ni de ***cabras***, sino de ***bacas***, y de ***puercos***. Este no ès de leche; sino de grasa. La de bacas, es de su leche. El texto ***prophetico***: ***butyrum et mel comedet*** [86], solo habla de ***manteca de bacas***. Y por eso el ***queso*** del ***Zebrero***, es tan ***excelente***; y seran

[86] Isaías 7,15.

excelentes todos los quesos de bacas, si corresponden los pastos. En la apuesta de los ***pastores***, ***Dametas***, y ***Menalcas***, que pone ***Virgilio*** en su ecloga 3ª. pone ***Dametas*** una ***becerra parida***. Dice, que aunque criaba dos terneritos: ***binos alit ubere foetus***; no obstante, se ***hordeñaba***, dos veces al dia: ***bis venis ad mulctram***. [87]. *De* ***mulgeo***, ***hordeñar***, se formò la voz ***mulctra***, que significa el ***tarro***, en que se recibe la ***leche***. El gallego dice, en lugar de ***hordeñar mungir***, que aunque parece viene de ***mungere***, viene mejor de ***mulgére****, pasando la l, a n.*

(6865) *Aunque los pastores tenìan* ***obejas***, y ***cabras***, apreciaban mucho mas la ***leche*** de ***bacas***, por sus muchos usos, para ***alimento***. A vista de lo dicho; quien no se compadecerà, de que à tìtulo de tener tantas ***bacadas***, y ***toradas***, no se piense en aprovechar tanta ***leche*** de ***bacas***, abandonandolas al monte, y sin hordeñarlas? quanto mejor alimento serà, no ya en tiempo de ***hambre***; sino tambien en tiempo de regalo, lo que puede salir de la ***leche de bacas***, que de las ***migas***, y ***gazpachos***? Que immundicias no se comen en tiempo de hambre, en los paises en donde las ***bacas*** no se ***hordeñan***? Diran que si se hordeñan, no saldran robustas la ***crias***, que han de ser ***toros***. Y quando la ***cria*** es ***hembra***, ha de ser ***toro***? En Valencia ay bueyes robustos pero no formidables por que no se crian silvestres. La ferocidad de los toros, no viene de la mucha leche que han mamado, sino de que se han criado en los montes, como salvajes.

(6866) En Galicia ni ay ***bacadas***, ni ***toradas***; y toda la ***leche de bacas*** se aprobecha, sin faltar por eso el ***alimento*** a los ***terneritos***. Estos pasan de ***terneros***, â ***jovencos***: de jovencos, â ***almallos***: de almallos, à la ***castradura***: de esta, â ***bueyes***, para el carro, y arado; y ya cansados, y ***viejos***, se ***ceban***; y son los que llaman ***cebones***; en lo antiguo, ***cutrales***; y en ***Leon***, ***cutrones***; todo de ***cultrum***, que corresponde à ***bueyes de cuchillo***; y que paran en la ***ultima linea rerum***; que ès el ***matadero***. La voz ***almallo***, significa el ***becerro*** hecho, que ya comenzò â ser ***padre***. Creo que tambien se llama ***armallo***, es de origen dificil; y no me gustan los que se le señalan; ni jurarè por el que yò le señalo, creyendo que ès diminutivo de ***armentum***, que es ***ganado bacuno***; armalium, ***almalio***, y en frances, ***aumaille***; y en gallego, ***almallo***. El gallego llama a una cabeza de ***ganado bacuno***: un ***armentio***: y si es del ***obejuno***, un ***rexelo***: diminutivo de ***res***.

(6867) *Demanera, que en* ***Galicia***, ni ay ***toradas***, ni grandes ***bacadas***, ni ***toros*** para matar ***hombres***; con todo eso, ay abundancia de carnes, de leche, manteca &ª. ***Tampoco ay toros de puesto*** [88]. *Los mas de los* ***aldeanos*** tienen ***almallos*** en estado de ser ***padres***, asta tal ***edad***; y despues, los ***castran***, à todos, todos, para ponerlos al ***carro***, y al ***arado***. De este modo se verifica, que el ***ganado bacuno*** en ***Galicia***, y en donde se travaja con ***bueyes***, y no ay la barbarie de la ***fiesta tragica de toros***, siempre es ***compañero*** del ***labrador*** en el ***travajo***. No solo compañero, y socio; sino tambien ***amigo***, y agradecido. Y con esta propiedad ***arguye Dios*** a su pueblo por ***Isaias***: ***cognovit bos possessorem suum Israel autem me non cognovit***. [89]*El* ***buey*** conoce â su ***dueño***, y aun le ***lame***; y el borrico, solo conoce el ***pesebre***. Estan patentes à todos las ***monedas*** de la ***colonias***, con la insignia del ***buey***, como simbolo de la ***agricultura***; y ninguna ay con la ***insignia*** de la ***mula***. Esta casi come lo que gana. Y el ***buey*** gana mucho mas de lo que come. Y con razon se dirà de los ***bueyes***: ***sic vos, non vobis, fertis aratra boves***.

(6868) *En Madrid vive un cavallero, que atravesò todos los desiertos de* ***Buenos Ayres***, ***Paraguay***, y ***Potosì***. Este me dixo, que avia observado innumerables cabezas de ***ganado bacuno***, salvajes, y sin ***dueño***. La singularidad consiste, en que los ***toros*** que hacen de ***padres***, solo tienen ese ***egercicio*** asta tal edad ***determinada***. Y en llegando à ella, todos esos ***toros***, se retiran à determinado terreno; y alli viven todos, solos, y sin compañía de ***baca*** alguna. Hacen en aquel ***retiro***, de ***castos anachoretas***, viviendo pacificamente. No de otro modo, que en lo antiguo, cansados algunos hombres del ***mundo***, se retiraban à hacer ***vida*** de ***anachoretas***. Y es de alavar à Dios, que los ***toros*** se metan ***frailes***, â su tiempo; sino ay alguna equibocacion en la narrativa.

(6869) *Es verdad que aquellos* ***toros***, por ser silvestres, y sin dueño, estan exentos del ***arado***, y de la ***carreta***; pero tambien alli, estarà libre el genero humano, de que los traigan à las ***plazas*** para matar hombres. Ojalà que la multitud de ***toros***, que anualmente se traen à las plazas, para matarlos à ***traicion***, y para sacrificar ***hombres***, los pasasen desde ***España*** à la ***America***; ô en ***carnes muertas***, para alimento de los ***navegantes***, dejando en viva posesion del ***arado***, y de la ***carreta***, à los ***bueyes***, y ***bacas***, que se matan para aquel fin. O que se trasportasen, en ***carnes vivas ubi nocere non possint*** [90] *y para aumentar, en las* ***Pampas*** de ***Buenos Ayres***; los ***toros***, ***castos***, y ***anachoretas***. De que sirve en España esos espantajos de los ***bosques***. Esas inutiles ***fieras***: y esos ociosos ***animales***? que importa, que despues de muertos, pesen ***mil libras***; si sus ***carnes***, nin aun a ***peso de toro*** se aprecian? la precision de que aya ***toros padres***, se hace nula, con los que dije se llaman en Galicia, ***armallos***, y ***almallos***; que son los padres, en ***Galicia***, sin necesitar de ***toros***.

(6870) *No pocas veces he reflexionado sobre el* ***origen*** de la barbara, ciega, y cruel, aficion de algunos ***provinciales*** de ***España***, à la que ellos fatuamente, llaman ***fiesta de toros***; no siendo, sino una ***publica tragedia***, y de intento, con muertes de ***hombres***, ***toros***, ***cavallos***, ***perros***; y de los ***espectadores***; y aun de los que ven los ***toros de talanguera***. A la tarde del ***jueves pasado***, y en la corrida de ***toros***, huvo muchas desgracias, y ***muertes*** de ***hombres***, ô instantaneas, ô a pocos dìas despues. Y en fin llegò à ser ***maxima brutal del vulgo***; que, ***si no ay muertes***, y ***desgracias*** de ***hombres*** y de ***animales***, ***no serà lucida la fiesta***. Siendo asi, que se dice; que la ***santa extrema uncion***, es la cosa que siempre anda corriendo; y siempre ***llega tarde***, en la ***fiesta de toros***, siempre ***ba delante***; asta tener quarto señalado en la plaza de toros de la Puerta de Alcala, para que desde el vean los toros, muertes, y desgracias, la santa uncion, el cura y el sacristan.

(6871) No falta ya, sino que la corrida ***de toros***, sea ***fiesta con Sacramento patente***, y que esté patente un copon, para dar la ***comunión***, a los que han de hacer el papel de ***muribundos***, para diversión del ***pueblo***. Tengo por cierto, que esa iniqua diversion, no se

---

87 VERGILIVS: *Ecloga* 3,30.

88 Esta afirmación de Sarmiento de que *tampoco ay Toros de Puesto* precisa comentario. Obviamente, ata que apareceu a inseminación artificial, había *boi do posto, boi do común* (como vimos en 7.3.1) e aínda quedan por algunhas aldeas os cubertos nos que se realizaba a cubrición. Pero Sarmiento refírese a que, cando el escribe no século XVIII, non había semental que vivise toda a súa vida como semental porque, en chegando a adulto, capábano (6867-6869). En calquera caso, parece indicar que o boi do común, semental para o gando de varias familias ou de toda a parroquia, debeu de aparecer máis tarde, fins do XVIII ou no XIX.

89 Isaías 1,3. Ve-la primeira nota a rodapé deste capítulo.

90 "carnes vivas onde non poidan facer mal".

ha comunicado à España, por el ***comercio con los extrangeros***; pues los extrangeros miran con horror esta tragica diversion. Y es notorio que teniendo los ***franceses***, ***ingleses***; ***alemanes***, ***italianos*** &ª, muchas diversiones ***publicas***, aborrecen las ***fiestas de toros***. Y porque no los imitamos; ya que somos ***monos*** de todas sus fruslerias, y bagatelas? la misma aversion reside en algunas provincias de España, y en especial en ***Galicia***. Hasta el jueves pasado por la mañana, en que un ***tahonero***, ***Manuel Martinez***, ***gallego***, de ***Monforte***, que salio à torear de ***vara larga***, era una ***ave phenix***, un ***toreador gallego***; viendo asi que los gallegos se dedican à todo.

(6872) Es comun decir, que la corrida de ***toros***, la hemos heredado de los ***mahometanos***. Aun no he tropezado con la ***prueva***. Y para congeturar que la hemos heredado de los ***antiguos carthagineses***, âllo algun fundamento en su ***mithologia***. Consta de los escritores antìguos, que los ***carthagineses***, veneraban en particular à Saturno, y que le sacrificaban ***victimas humanas***. Durò esta barbara, y diabolica costumbre asta ***Tiverio***, que la prohivio. Los carthagineses, eran colonia de los ***Phenìcios***; y asi de estos, y de otros ***orientales***, tomaron esta perversa ***crueldad***. Lo que podrà hacer al caso èS, que ese ***Saturno***, se figuraba como un grande ***toro***, hueco por dentro, en donde abìa ***fuego*** encendido que respiraba por 7 ***bocas***; y en ellas ponìan los ***hijos***, que sacrificaban à Saturno, que era el falso ***dios Moloch***, de los ***ammonitas***, del qual ay mucha noticia en la ***Escritura***. Lease lo que el Pᵉ. ***Kircher*** escribio de ese idolo ***Moloch***, ò Saturno, desde la pag. 328 del tomo 8º de la ***Aedipo Aegypciaco***; y alli el figuron de un ***toro***.

(6873) Ninguna duda que ***Cadiz***, y el ***continente*** de la Andalucia meridional, son colonias de los ***phenicios*** y ***carthagineses***. Y es muy creible que los ***andaluces*** conserbasen muchas costumbres, tomadas de aquellas naciones; ô moderadas, ô alteradas, ô confundidas. Entre esas seria la ***corrida*** de ***toros***, en ***honor*** de ***Saturno***; con el seguro de que no faltaran ***muertes***, que hagan de ***sacrificios***. Supongo, que en las corridas de toros de hoy, ninguno se acuerda de Saturno, ni de ***Moloch***; ni tampoco del ***Dios verdadero***; pues si se acordase, pocos irian à la ***fiesta***. Y seria fiesta ***diabolica*** si aquel sacrificio de las victimas humanas, en el ***toro de fuego***, se hiciese en ***publico***. De ahí tomaria el exemplo, el yngenioso arbitrista de tormentos ***perillos***, que inventò un ***toro de bronce hueco***, para atormentar à un ***hombre***, metido dentro, encendiendo al rededor mucho fuego; y que los gritos del paciente saliesen mas horrisonos, y lastimosos, por la boca del toro.

(6874) El premio que ***Perillo***, esperaba del ***tirano*** de ***Agrigento***, phalaris, por la diabolica invencion; se reduxe, a que Perillo estrenase su ***toro*** de ***bronce***; bien encendido. Y à lo ultimo, tambien el tirano ***Phalaris***, murio metido en el mismo ***toro***. Si à los ***Perillos***, ô ***perillanes arvitristas***, que ayer se levantaron del ***polvo*** de la ***tierra***, en España; ô que como impostores ***saltimbancos***, han venido del pais de los ***arvitristas***, en visible ***daño*** de ***tercero***. Si â esos ***perillanes***, digo, se les obligase â experimentar, en si mismos el daño que con sus arvitrios y embustes intentan hacer, y hacen al ***proximo***; no abria tanta ***peste*** de ***proyectistas***; los quales, aun para matar hombres y animales en publico, han sido oidos; cuyo premio avia de ser, colocarlos delante ***de un toro*** precipitado, en la ***plaza publica***.

(6875) *Los que no gustaren de* ***mythologias***, para el origen de algunas costumbres inveteradas, echen los ojos, y la reflexion sobre la ***naturaleza***; y tal vez hallaran en su constancia, algun ***origen***. Todo ***animal*** naturalmente tiene sus ***armas***, ***defensivas***, y ***ofensivas***. Los animales ***cornutos***, las tienen en los ***cuernos*** ***defendunt cornua cervum*** [91]*; y tienen las cabezas proporcionadas para su uso. Entre esos, los* ***carneros*** tienen la ***cabeza***, para darse de ***testeradas*** unos, contra otros. Poco daño se hacen con los ***cuernos***, por tenerlos ***laterales***, y ***retorcidos***; pero eso mismo conduce, para que, haciendo un cuerpo con la cabeza, sea testerada mas tremenda. Sabese que los carneros de ***Africa***, son muy grandes; y a veces con cuernos ***dobles***. Por consiguiente su cabezada, mochada, y testerada, mas terrible. A esto atendieron los ***carthagineses***, quando para desmoronar el castillo de ***Cadiz***, inventaron el ***ariete***. Este ***origen*** señala ***Vitruvio*** (lib.º 10 cap.º 19) à la ***maquina bellica***, que llaman ***ariete***; que es una ***viga*** con una ***cabeza de carnero***, de ***metal***, con lo qual, à ***brazos***, y despues pendula, horizontalmente, la viga, en una como ***horca***: y portatil en ruedas, se batìan, y combatìan los ***muros***, à puras cabezadas de carnero; como se hace con las ***balas de artillerìa***.

(6876) *Una de las diversiones de los* ***muchachos***, es ***jugar*** con los ***carneros***, incitandolos con la expresion: ***Topa, Martin***; para que vengan à dar ***mochadas***. Lo mismo hacen con los ***terneritos***. Y los ***carniceros***, no por diversion, sino para que la ***sangre*** se extienda mas, y ***pese*** mas la ***carne***; agitan, corren, y torean las ***bacas***, y ***bueyes***, que han de ***matar***, y vender en la ***carnicerìa***. Asì, los toreadores, tienen su ***escuela*** en las ***carnicerias***; y dejo aparte, à los que sin ser ***carniceros***, tienen la excusada aficion de meterse entre ellos para ***imitarlos***. Vease aquí el depravado gusto de ver ***corridas de toros*** de ***muerte***. Este es el de ver que ***quatro carniceros***, maten en plaza ***publica***, las mismas ***reses boyunas*** que cada dia matan en las ***carniceras***, siempre con ***villania***, y ***traicion***. Y no tanto se ha de llamar fiesta ***de toros***; quanto ***fiesta*** de la ***matanza***, y diversion de la ***carniceria***.

(6877) Lo peor consiste, en que se quiera embocar por ***destreza del hombre***; lo que es ***nobleza del animal***. Por ser el ***toro***, animal tan corpulento, grave, y veloz, acomete en derechura en su carrera; y quando corre precipitado, ni puede ***torcer***, ni puede ***parar***, ni jamas corre con ***zorrerias***, proprias del ***animal-hombre***. Por la misma, y con mas razon, es facil torear, cara â cara, al ***rhinoceronte***, y esperarle à 10 ***pasos***. Y si de la altura de 200 pies, cayese una ***rueda de molino***, y visible, qualquiera la podria ***torear***. El hecho es, que quando el ***toro***, ô ***tuerce***, ô se ***para***, dicen los ***toreros***, que es ***marrajo***, y se ***acovardan***, y huyen de èl, y recurren à la ***inhumanidad*** de echarle ***perros***, que le sugeten, colgandose, unos de las ***orejas*** como pendientes; y otros, tirandose à las ***partes***, que segun ***leyes de cavalleria***, y que citan los ***fueros*** de ***alarcon***: ***sean atreguadas de los lidiadores***. No es menor la ***inhumanidad***, de amantar à los ***toros***, con una ***manta*** de ***cohetes***, para que la gente se divierta con los ***bramidos*** lastimeros, a causa de uno y otro ***martirio***.

(6878) En el libro 13 cap.º 22 de la ***ornithologia***, de ***Aldrovando***, estan dos exemplarares, sacados de ***Plutarco***, y de ***Quintiliano***, para escarmiento de los ***crueles***, ***è inhumanos***, â sangre fría. Todo el ***areopago pleno*** sentencio á muerte à un ***muchacho***, porque tenìa la aviesa manìa, de ***quitar*** los ***ojos***, à todas quantas ***codornices*** podìa coger à mano. Por pronosticar, que ese muchacho, serìa, si creciese, un pernicioso malvado, y de perversa ***indole***. En ***Egypto*** avia el uso de ver pelear à las ***codornices*** entre sì. A una, que siempre avia vencido à todas las demas, la comprò ***Erotes***, presidente en Egypto, la matò; asò, y comìo. Supolo

[91] "os cornos defenden o cervo". Fragmento dun epigrama de Marcial (13,94).

Augusto, y aviendole llamado, interrogado, y aviendo confesado ***Erotes***, le mando ***colgar*** del mastil de un navìo. El exemplo del ***muchacho*** es mas de mi asunto; pues no ay que esperar cosa buena de hombres que se deleitan en matar, â sangre fria, ***animales domesticos***, que sirben, ô podran ***servir*** à los ***hombres***.

(6879) Tengo observado, que los que son de esa malignante indole, son barbaros, crueles, è ***insociables***; pues habituados à matar animales, miraran como juguete el matar ***hombres***. Y si à los ***asesinos*** se les averiguase su ***vida***; pocos abrà que no ayan sido matadores de ***animales***, ***ô carniceros***, ô ***toreadores***. Por mi, jamas tendrè amistad con ese genero de brutos, con la corteza de ***hombres***. A uno de esos, que tenia mortal tirria contra los ***perritos***, y que pacificamente avia echado uno por una ***ventana***, le hice saltar las ***lagrimas***, con la eficacia de la reprehension que le dì; pero se emendo; y desde entonces se moria por un ***perrito***. En vista de esto, que juicio harè de los que à sangre fria, ven matar à un ***animal***, ô sea el ***toro***, ***perro***, y ***cavallo***, y casi, casi, ô sea el ***hombre***? Y si huviese sucedido desgracia, ô fuese ***muger***?

(6880) *No hace muchos años que en* ***Madrid***, se presentò en la plaza publica una ***muger***, para ***torear***; y que de hecho toreo. Llamabanla ***Pajuelera***, por que quando ***mozona***, avia vendido ***alguaquidas***, ô ***pajuelas de azufre***, ***tres pajuelas en un quarto***. Ese phenomeno, ha sido la ignominia del ***devoto femineo sexo***, que tiene adherente la ***compasion***; y la afrenta del indiscreto sexo ***barbado***, que tolerò, y dio licencia, para que saliese al ***publico***, semejante ***monstruosidad***. Cotejesè esa ***Pajuelera***, con el egercicio de las ***ninas gallegas***, que puestas à la ***frente*** de una ***baca***, ô buey ***manso***, estan ***hilando*** todo el dìa; y cuidando que ese ganado no eche la ***lengua*** à las ***mieses*** que tiene ***à boca***. Que ha sido aquello, sino ridiculizar la ***fiesta de toros***? y què cosas no diria ***Quevedo***, si la viese? no dudo, que apuraria todos los ***equibocos*** sobre el significado de ***toro***, ***toreado*** por una ***muger***, a vista de tanto ***marido***.

(6881) Pero el mas proprio modo de ***ridiculizar*** esas ***fiestas*** de ***toros***, es el que invento un hombre acaudalado, y de buen humor. Mandò, que se le pintase en un quadro muy grande, y que ocupase toda la pared de un patio, una ***corrida de toros***. El chiste consiste en que asi los que presidian; como los que estaban en la ***plaza***; y la infinidad de los que ocupan ***ventanas***, y ***tablados***, todos estan ***pintados con cabezas de borricos***. El año de 726 vì ese divertido ***quadro en Toledo***; y supongo que aun existirà alli, en casa de d.ⁿ ***Manuel Gamero***, ***racionero*** hoy de la S.ᵗᵃ ***Yglesia de Toledo***, hijo del ***cavallero***, que pensò, y costeò la dha. humorada de la ***pintura borriqueña***. Si la ***ociosidad***, se ***simbolizase***, en algun ***animal*** la cabeza de este seria mas propria para la ***pintura*** que la ***cabeza de borrico***; pues aunque todos los que concurren à la ***corrida de toros***, no sean ***borricos***; son álomenos, ***todos ociosos*** y ***ociosas***; y de poco acà, componen un ***gremio inaudito***.

(6882) El papa ***Benedicto*** 14.º permitio q.ᵉ en España se travajase en los dias festivos excluyendo los ***domingos***, y las fiestas principalisimas; pero con la condicion de quedar en pie, la obligacion de ***oir misa***. Este ***indulto*** ha sido por las ***quexas*** que se oian, que avia muchas ***fiestas***, y que no se podia travajar; siendo indispensable, que en esos dias ***festivos*** se ***comiese***. Quien lo creyera? A esa ***bula*** del papa, se siguio un ***diploma*** del ***demonio***, por el qual sugeria, que en los dias ***no-festivos***; no se ***travajase***, y se ***comiese***, y aun se emborrachasen en ***Madrid*** etc. todos los que profesan de ***ociosos***, y ***holgazanes***. Es observacion mia, que en el mismo año, en que vino la dha. ***Bulla***, se introduxo el desenfrenado chorrillo de multiplicar las corridas de, ***toros***, y mas ***toros***. Acuerdome de la ***concurrencia*** dha. po que entonces dixe, y repeti, no sin enfado; ***que à la exclusion del la fiestas de Dios*** se avian sucedido las ***fiestas*** de los ***diablos***, quales son las ***corridas*** de ***toros***.

(6883) No aviendo ***fiestas reales***, que ***cohonestasen*** tantas ***corridas***, se inventò, que el util que saliese de ellas, se aplicase para pagar a los ***alguaciles***, y que no hurtasen, y ***estafasen***. Raro arbitrio, para que un ***gato de tripera*** no sea gato; y un ***lobo encarnizado***, no sea ***lobo***, el señalarles, ademas del ***pre-manibus***, una racion, ô salario fixo! Si los ***alguaciles*** cumplen con su ***obligacion*** son ***ministros*** de ***justicia***; y tienen derecho â que de lo que contribuye el ***publico***, se les señale el competente ***salario***; y si el publico viese, que tambien se les señalaba el ***competente castigo***, siempre que se les cogiese ***en mal romanze***, servirian á la ***justicia***, de ***ministros***, y de ***exemplares***. Y causa risa el oir, que en ***Madrid***, se inventò el ***arbitrio*** de pagar la ***justicia***, señalando los ***salarios*** en ***corridas de toros***, que son un ***complexo*** de todo genero de iniquidades ***morales***, y ***politicas***.

(6884) Durò poco este disparatado arbitrio, de matar ***hombres***, y ***animales***, y promover la ***ociosidad***, ***en Madrid***, con ***capa de justicia***. Bien sabe el ***diablo***, que si, para sus ***diabolicas invenciones***; no entra un poquito de ***religion***, que como ***capa***, las ***cubra***; y como cosa ***piadosa***, las ***cohoneste***; ni seràn fixas, ni duraderas. Ynventò pues, que el ***util*** de las ***corridas*** de ***toros***, se aplicase al ***Hospital General*** de ***Madrid***; pues le avia salido bien el ***arbitrio*** de aplicar al dho. ***hospital***, porcion del ***util*** que sale de las ***comedias***, que aunque no son ***diversion barbara***, y ***carnicera***, son ***diversiones diarias***, para sostener la ***ociosidad***; que es ***mater omnium vitiorum***, y esa para el ***diablo*** es otro ***tanto oro***. Amañò el ***diablo*** con los ***arbitristas***, ***asentistas***, y ***proyectistas*** de ***toros***, qué solicitasen que se señalasen, y permitiesen, ***doce corridas*** de ***toros annuales***, con la ***capa*** de que el util serà para el ***Hospital General***, pues notoriamente es ***causa pia***. Saliose el ***diablo***, con la ***suya***; y ya estan señaladas esas ***doce corridas de toros annuales***, y en dias ***no-festivos***; para empatarselas al ***papa***.

(6885) *No ay* ***corrida de toros***, que no tenga sus ***visperas***, y ***tornavoda***. Quiero decir; que cada una vale por tres dias de ***ociosidad*** festiva. La vispera, porque se espera; el dia, por que se ocupa: y el dia inmediato por que se descansa de la fatiga de aver ***voceado***, y ***gritado***. Esos 36 ***dias*** no-***festivos***, es la decima parte de todo el año. En esos dias, en los quales ni se travaja, ni se gana jornal; se come mas de lo justo y se bebe, ***ultra condignum*** [92]*; y tan lejos de ganar un maravedi, es preciso dar muchos reales encima por que le admitan â ser ocioso, como todos los demas, que teniendo mucho que comer, y que se quejan de que no tienen tiempo para respirar, y cumplir con su* ***empleo***, y ***obligacion***. Quando oigo que alguno se queja asi; pregunto. Y ese ***ba à los toros***? Si señor, me responden. No ***pierde toros***, ni ***comedias***. *Reflesionen sobre esto, los que tienen los ojos cerrados.*

(6886) *Dirán los* ***menestrales***, y ***artesanos***, que ***comen***, y ***no travajan*** en aquellos dias. Que importa que perdamos la ***decima*** parte ***del año***, si eso se compensa, con suvir los precios de nuestras ***manufaturas*** la 6.ª ô la 8.ª parte? y sino alcanzare, el ***duplo***, y el ***triplo***. De todo podrè hacer evidencia; calculando los ***precios*** del ***arancel general*** impreso; con los precios del ***arancel***, que inventò la ***ociosidad***, sin que se piense en ***restañarle***. Mucho ***util*** debe salir de los ***toros***, quando ay tanto goloso, para hacer asiento, y arriendo de èl; y todos se dan priesa â ***criar toradas***, para hacer unos caudales exorvitantes, à titulo de la ***obra pia***.

92 "máis aló do que é decente".

Y el perverso exemplar de la dha. Pajuelera, que salio a ***torear***, dio alas para que otra ***muger***, se metiese à ***criar toros***, no ***teniendo olivos***, ni ***colmenar***; y que su ***sobreescrito***, atragese mas ***gente***. El que sabe que ***Plinio***, (lib.º 36 cap.º 12) dice de ***Rhòdope***, una ***buena muger***, que costeò un ***piramide*** de ***Egypto***, con lo que sacaba desu ***travajo,*** *podrà decir buenas cosas, sin extrañar nada.*

(6887) *Tambien he oido decir, que el asentista de los* ***toros***, en el dia, es un ***sastre***, y corcovado; si bien añadieron, que no era cabeza, sino ***testaferrea*** de una porcion de ***usureros vergonzantes***. Y no pude tener risa acordandome de lo que fingio ***Quevedo*** en las ***zahurdas*** de ***Pluton***; que le avia dicho un ***diablo***, ***cojo***, y ***corcobado***, que se avia puesto asi, de acarrear al ***ynfierno*** tanta multitud de ***sastres***. No creo que ese sastre corcobado, tenga ***torada***; sino que serà ***aficionado***, y ***devoto*** de esas ***fiestas diabolicas***, y que para hacerlas mas ***ridiculas***, le abran escogido por ***capa rota***, los ***capirrotos***, y de capa ***al hombro***, que han solicitado que aya tantas ***corridas de toros***, con ***capa*** de ***obra pia***, para el ***Hospital***. Rara ***obra pia*** de nueva ***invencion***, la de ***matar hombres***, ***para curar enfermos***! Y que diremos del axioma: ***non sunt facienda mala***; ***ut veniant bona*** [93]*? Diran, como si lo oyera: que eso ya no es de la* ***philosophia moral moderna***.

(6888) Dudo, que muchos me excedan en la natural virtud de la ***compasion***, ***y humanidad***, acia los ***enfermos actuales***: los muy viejos, que son ***habituales*** enfermos: los ***niños huerfanos***: y la[s] ***viudas***, con ***hijitos*** de poca ***edad***. Esas quatro cosas son ***quatro obras pias***, sin dificultad alguna. A esas se debe concurrir, con socorros, limosnas, y arbitrios inculpables: no con dineros que salgan ***de toros***, y de matar ***hombres***. Pues ese ***dinero***: ***non licet mittere in corbonam***, ***quia pretium sanguinis est***. [94]***Corbona*** era como el ***cepo***, ô ***gazophylacio*** del ***templo***, en donde se echaban las ***limosnas***, y ofertas de licita ***ganancia***. Esotro de hurtar un ***cochino***, y dar de ***limosnadas patas***, no es oferta digna de la ***corbona***; ni se debe llamar ***corban***. Lo mismo, del dinero que sale de los ***toros***. De las ***comedias***; ni de otra qualquiera ***grangeria***, que salga de la ***sangre*** de los ***pobres***. La ***glosa***, que se puso al R***obles*** [95]*, que* ***hizo un grande hospital***: y ***tambien hizo los pobres***; da materia para decir mucho.

(6889) Pero lo que ***Christo*** Señor Nuestro, dixo à la ***pobrecilla viuda***, que echò una pequeña ***moneda*** de ***cobre***, en el ***cepo***, ô gazophylacio del ***templo***, es mas del caso. Vio que muchos ***ricos*** echaban en el cepo, grandes ***monedas*** de ***oro***, y de ***plata***, y lo poco ô nada, que echò la ***viuda*** pobre; y dixo: ***vere dico vobis***, ***quia vidua hec pauper plus quam omnes***, ***misit***.[96] *La razon èa, por que los* ***ricos***, echan en el gazophylacio, de lo que les ***sobra***; y la pobre ***viuda***, se lo quitò de la ***boca***, lo poco que echò, y dio à Dios. Tengo certeza, de que él Ex[mo]. S. ***Marques*** de ***Santa Cruz*** del ***Viso***, à ningun, de su casa dà ***racion***, que baya â ***comedias***, y à ***toros***. *Cosa laudabilisima, y que debian imitar los demas señores.*

(6890) *El primer* ***arbitrio***, que se debe ejecutar, en favor del ***hospital***, es aclarar sus ***rentas***, y vindicarlas, posealas quien quisiere. Es evidente, que ***antes*** que se inventasen las ***corridas*** de toros, tenìa el ***hospital rentas***, para subsistir, y bien. Esto, por los años de 730 v.g. En donde pues, estan esas ***rentas*** tan pingues? Si esas pasaron à ***curar sanos***; mañana pasara â ellos, lo que saliere de los ***toros***, y serà preciso inventar otro ***nuevo arbitrio***, para ***hospitales***. El caso èa, que, ***con titulo de obras pias***, nos inundaremos, con ***corridas de toros***; pues, ademas de las 12 ***annuales***; por qualquiera motivillo, se concede una ***corrida de toros*** de ***muerte***; ô ***tres*** dias ***mas***, en que no se ***travaje***, y se ***coma***. Y de donde han de sacar para ***comer***, sin ***travajar***, los que unicamente han de ***comér*** de su ***travajo***, y sudor ***diario***? Supongo, que en favor de ellos se ***expidio*** la ***bulla***, para que en los ***dias festivos oiesen misa***: ***travajasen***, y ***comiesen***. Y que hizo el ***diablo***, para desquitarse? Recurrio à una ***falsa devocion***; y logrò, que en los dias ***feriales***, y ***no-festivos***, no solo ***no se travajase***; sino que se ***comiese***, y ***bebiese*** al ***doble***.

(6891) Aviendo tantos generos de ***obras pias***, y levantandose cada dia ***nuevas devociones***, que se podran ***excusar***; ya està avierta la ***puerta***, para que se solicite una ***corrida*** de ***toros***. El jueves pasado, huvo una corrida de toros, y bien tragica, de las 12 ***del Hospital General***: y mañana 7 de noviembre, á 15 dias despues, abrà otra ***corrida*** de 22 ***toros***, con titulo de otra ***nueva devocion***. Me hicieron leer el ***cartel ympreso***, con el qual, estan embarradas las ***esquinas***. Yo jamas veo toros, ni tampoco los carteles, y en el que leì notè la impropriedad de llamarla ***fiesta***, la que unicamente ha de ser ***corrida***. Se podrà llamar ***fiesta***; nunca, respecto de los ***toros***, no siendo ***fiesta de requiem***; sino respecto de alguna solemnidad especial, que ***se celebre***, ô quando ay ***fiestas reales***; por que no siendo asi, es inaudita ***corrida de toros***, ***de devocion***; y en dia en que no se celebra solemnidad alguna.

(6891) Tambien he notado los ***quatro colores***, para discernir ***los toros***. Y à no averme dicho que era costumbre, creyera que se querian introducir las ***quatro facciones***, segun los ***quatro colores distintos***. En los ***juegos circenses*** de Roma, en que se corrian ***animales***, y ***carrocines***, estaba dividido el pueblo en quatro facciones, unos que se ***oponìan*** â este ***color***; y favorecian ***à otro***. Y los ***emperadores***, tomaban partido por ***tal color***; y esto ocasionò muchas bullas, y aun ***muertes***; tanto, que en el ***circo***, de ***Constantinopla***, segun ***Zonaras***, murieron en tiempo de ***Justiniano***, cerca de quarenta mil ***hombres***, amotinados, sobre este, ô el otro ***color***. Y con tantas tragedias, se acabò del todo, la antigualla de las ***quatro facciones***; como poco hà se acabaron las dos ***facciones***, de ***polacos***, y ***choriceros***, que dividian los ***animos*** en el ***theatro***.

(6892) *De estudio no me he metido con lo* ***licito***, ô ***ilicito*** de las ***corridas de toros***, y de las comedias: y de las pesimas resultas ***morales***, de esos ***dos juegos***. Eso toca à los ***moralistas***, y à los ***predicadores***; y doy aqui por dicho, todo lo que ***estos*** han ***declamado***; y todo lo que aquellos, han escrito. Yo solo he mirado las ***corridas de toros***, por el lado de la ***ociosidad*** de los ***hombres***; y de la ***ociosidad***, è ***inutilidad*** de esa noble especie de ***animales***, que Dios ha criado para compañeros del ***hombre***, en el ***travajo*** de la ***agricultura***, y ***acarreo***, y para servirle asta la ***muerte***; no para ***matar*** hombres en publicas plazas; y lo que, ***ab horrent aures*** [97]*, à titulo de* ***devocion***. Si esos 22 ***toros***, que se mataràn mañana se huviesen castrado, â su tiempo, y si se hiciesen

---

93 "Non se poden facer cousas malas para que se produzan cousas boas".

94 "Non é lícito botalas no peto das ofrendas, xa que son prezo de sangue" (Mt 27,6).

95 Alude a un epigrama de Juan de Iriarte (1702-1771) que axiña se fixo moi popular: *El señor don Juan de Robres, / con caridad sin igual, / hizo este santo hospital / y también hizo los pobres*. Tendo en conta que Iriarte e Sarmiento son contemporáneos, a cita de Sarmiento amosa a rapidez con que a repetición popular introduce cambios nos textos que cita. Algúns chegan a aludir xa a un suposto epitafio: *Aqui yace don Juan Robles...*

96 "abofé que esta viúva pobre deu máis ca todos" (Mt 21,3).

97 "produce horror oílo dicir".

tambien ***bueyes***, todos los demas ***toros***, que en ***España***, salieron, ô ***saldràn*** à la ***plaza***; no abria las quejas, de que no ay quien ***acarree*** el ***trigo*** à Madrid: de que se incomoda à los labradores: de que no ay ***pan***, por que no ay ***agricultura de bueyes***. Y abrà mas abundancia de ***carnes***, y de leche, hordeñando las ***bacas***, y serìan los ***ociosos menos***.

(6893) *No quiero omitir el* ***argumento***, que los ***ociosos*** tienen por su ***Achiles***. Este ès, que es preciso que los pueblos grandes, tengan grandes, y muchas ***diversiones***; por que no haya ***bullicios***, y conjuras. Soy de ese mismo dictamen, que aya ***diversiones***; pero no ***perversiones***. Aquel motin, y horrenda ***matanza*** de los ***quarenta mil hombres***, no huviera sucedido, si estuviesen en sus casas, aunque en ellas estuviesen ***ociosos***. Sucedio en el ***circo de Constantinopla***; por que alli estaban ***ociosos***, ***unidos***, y ***apiñados***. Y los hombres, son como las cabras, que si se unen pasadas de 100, se apestan unas â otras; y en lo ***phisico***, y en lo ***moral***, hablando de los ***hombres***. De lo que sucedia en los ***espectaculos*** de ***Roma***, harto ha escrito ***Ovidio***, y el ***mundo***, siempre ha sido uno. Muchas mugeres, no tanto ban â ver las ***fiestas***, quanto à quèlas ***vean***, ***miren***, y ***admìren***, en ellas. El pueblo romano llegò à la ultima ***ociosidad***, y al ***luxo***, despues de haver conquistado el ***mundo***, y tambien à la ultima ***miseria***.

(6894) *Llegò tiempo, en que, según* ***Juvenal***, se contentaba el ***pueblo romano***, con ***pan***, y ***juegos circenses***: ***duas tantum res anxius optat, panem, et circenses***.[98] *Unos leen,* ***pana***, aludiendo à los ***lupercales***. Otros leen, ***pannum***, aludiendo al ***paño***, de este, ô del otro color, con que se distinguìan las ***quadrillas***, y ***facciones***. Pero casi todos leen, ***panem***, aludiendo al ***pan quotidiano***, como ***alimento*** preciso. La expresion: ***panem, et circenses***: corresponde al dicho ***español*** de muchas ***provincias***, aficionadas á ***toros***; quando apetecen ***pan***, y ***toros***. Este dicho no corre en ***Galicia***; sinò otro mejor que dice, ***pan, è porco***; como que es ***feliz*** el que alli tiene ***pan***, è ***porco***; entendiendo por el pan, el alimento diario; como ***christo nos enseña***: ***panem nostum quotidianum da nobis hodie***.

[99](6895) *Los* ***romanos*** tenian alguna razon; porque, en los ***juegos circenses***, que daban los emperadores, tan lexos de dar dinero à la ***entrada***, por ***verlos***; distribuìa el ***emperador*** al ***pueblo***, el ***congiario***; ô en ***pan***, por lo comun ô en ***vino***; ô en ***dinero***. Eso era, ir ***por atun***, ***y ver al duque***. Era, ***ir por pan***, ***y ver las fiestas***: ***panem***, ***et circenses***. Era lo que se llama ***cucaña***. Eso de dar un ***dinero***, por ver a un ***carnicero*** que mata un ***toro***, y à ver à un ***toro***, que mata a un ***hombre***, esa es una garrafal ***estafa***, y una ***cucaña inversa***; esta es, para los ***asentistas*** de las ***corridas***, y que à todo ***topan***. No he tropezado con ***autor antiguo***, que diga, que las ***fiestas imperiales***, se compravan como los ***melones***; pagando por verlas, tanto, y quanto. Esas no serian fiestas, sino ***estafas***. Esas fiestas no se vendìan, sino que se ***daban*** de ***valde***, y dinero ***encima***, para manifestar los ***emperadores su liveral magnificencia***.

(...)

(6906) *el otro modo de* ***paliza***, era pelear unos con otros, armados con unos grandes garrotes, y con unos ***broqueles***. En la pag. 194 del cap.º 4.º y libro 3.º de ***Mercurial***, està una grande ***lamina***, de la ***paliza*** de los ***romanos***. Representa, una como ***corrida de toros***; sino que en la ***palestra***, hacen de ***toros*** los ***hombres***, apaleadose unos à otros, y, digamoslo asi, toreandose con ***palos***, y ***broqueles***. De camino notarà el letor, que en la ***balconada***, estan à un lado del que preside, ***todas mugeres***; y al otro lado, ***todo***, ***hombres***; en lo que eran mas ***honestas*** esas ***palizas***, que las ***corridas de toros*** de ***Madrid***. En los ***templos*** de los christianos ***griegos***, estan separadas las ***mugeres*** de los ***hombres***. En los ***baños***, tenian los hombres dias señalados, distintos de los de las ***mugeres***. En los ***patios*** de comedias de España, estan separadas de los ***hombres***, las ***mugeres***.

(6907) Añadase à lo dicho de la barbara y sanguinolenta ***corrida de toros***, el livertinaje, è indecencia de asistir à ellos, ***hombres***, y ***mugeres***, entreverados, y aun ***unidos***. Eso ni ha venido de los ***paganos***; y menos de los ***moros***, que tienen tanto ***cuidado***, de retirar sus ***mugeres***. Ni de los christianos; por lo que hacian en los ***templos***, ***baños***; y hoy en los ***theatros***; y en los ***rosarios***, y ***procesiones***. Asì creo, que es moderno, el ***avuso***, de estar unidos ***hombres***, y ***mugeres***, en los ***toros***. Y por que no se establece, que una ***corrida***, sola sea, para la que vean los hombres ***solos***; y otra distinta, para que la vean las ***mugeres solas***? en las aldeas, en donde solo ay una ***corrida annual***; se podrà componer, el que a un lado esten los ***hombres***, y al otro las ***mugeres***. Pero en ***Madrid***, en donde ya son mas las corridas de ***toros***, que las ***fiestas de guardar***: se deben distribuir las corridas, entre ***mirones***, y ***mironas***; ô entre mugeres, y hombres, aun quando las ***corridas***, sean à titulo de ***devocion***.

(6908) *Apostarè, que si las* ***corridas de toros en Madrid***, se dividen en dos partes iguales, unas para divertir à los ***solos hombres***, con total exclusiva de ***mugeres***: y otras, alternando, para divertir à ***solas*** las ***mugeres***, con total ***exclusiva*** de los ***hombres***, no abia tantas ***corridas***; ni tantos ***ociosos*** en cada una [100]. *Lo que se dice, que con las corridas de toros, se forman los animos marciales y militares, es una engañifa de los diablos, con la qual; y con el titulo de devocion quieren cohonestar las barbaras y sanguinarias* ***corridas*** de ***toros***. Lo primero, quien dirà que los ***animos*** de las ***mugeres***, se deben formar ***marciales***? lo 2.º los toreadores, no piensan ir à la ***guerra***. Lo 3.º por que todos los demas mirones, en nada de ***fuerza***, ni de destreza se ***ejercitan***. Si bajasen à la ***palestra*** à darse ***de palos***, unos contra otros; à ***correr***, ***luchar***, ***saltar*** &ª, ô à hacer otro egercicio militar, como preludio de la ***guerra***; serìa tolerable y divertido; pero si algun ***baladron descendit in arenam***, solo es para dar una ***estocada***, ô ***lanzada***, à ***toro muerto***.

(6909) *Muy otros eran los regocijos, fiestas diversiones, y egercicios* ***militares***, que hacian los españoles ***antiguos***; ô ya como ***diversiones***; ô ya como ***ensayos***, para la guerra de ***veras***. De todo han quedado algunas reliquias, no en un solo lugar; sino esparcidas en varios paises. Los ***vizcaynos*** conservan la ***paliza***, ya de burlas; ya de veras quando se amostazan, como tan diestros en manejar el ***palo***. Y no son menos diestros los ***gallegos***, quando en las fiestas, se suscita alguna r***eyerta***. y quando levantan el grito y vocean: ***Alta madeyra***, no ay quien se les ponga delante. En Madrid solo se conserva la antigua ***soldadesca***, y esa en los pobres ***zapateros de viejo***, que por eso, y aludiendo á eso, se llaman de la ***valentia***; y no es razon que la ***señal*** de la ***valentia española***, se convierta en ***mogiganga***.

---

98 "O anguriado só quere dúas cousas: pan e espectáculos de circo" (Xuvenal 10,81).

99 "Dános hoxe o noso pan de cada día" (Mt. 6,11).

100 Sarmiento propón con máis de douscentos anos de adianto o que acabaría facendo Jesulín de Ubrique en Aranjuez o 7.10.1994. Claro que o 11.10.1998 houbo unha corrida en Higuera de la Sierra (Huelva) na que só actuaron mulleres como toureiras.

11.9. Touros nos séculos XIX e XX

11.9.1. Crítica galega á tauromaquia

Se no século XVIII entran en crise os festexos taurinos de Compostela, habíaos noutras vilas. Xa vímo-los de Ribadavia, Noia e Padrón. Probablemente Allariz mantén a tradición de corre-lo boi. N'*O Tio Marcos d'a Portela* saen á luz en 1877 uns versos críticos cos excesos desta festa que o autor, que asina como Mauro d'o Pereiro, considera unha práctica que *está rifada c'o adianto d'a nosa época*

> *Inda corren pol'as ruas / Apreixado d'unha corda / Pol-os cornos, un bó touro, / Que agachados tras d'as portas / Azuzan, loucos berrando, / Rapaces, mozos e mozas. / Canto mais fero sea o touro, / Mais legría: non importa / Que d'unha forte cornada / Dous ou tres homes se morran, / Que por seguil-a costume /Hai que facer tales cousas; / Asina o dispon a Vila / E non ten que se ll'opoña* (MdP1: 150).

Sen que poidamos afirmar que empezan agora, contra a fin do XIX coñecemos datos de touros na Coruña e en Vigo [101]. Constrúense prazas estables (Pontevedra, A Coruña, Vilagarcía e Ribadeo). En Ourense e Vigo houbo intentos que quedaron en nada [102]. As novas facilidades de transporte traen a Galicia corridas homologables, con gando bravo foráneo e con toureiros tamén de fóra.

Pero simultaneamente aumenta de maneira progresiva e relevante a literatura antitaurina en galego ata o punto de converte-lo autitaurinismo nun trazo diferenciador da etnia galega.

As publicacións *O Tio Marcos d'a Portela* (dirixido en Ourense por Valentín Lamas Carvajal), *O Galiciano* (de Pontevedra), *O Novo Galiciano* (dirixido tamén en Pontevedra por Xosé Manuel Rodríguez de Cea) e certas intervencións de Enrique Labarta batallan na ridiculización da crueldade como espectáculo. Posiblemente descoñecían o alegato de Sarmiento contra os touros pero sintonizan con el espontaneamente.

En 1877 *O Tio Marcos d'a Portela* publica nada menos que cinco referencias críticas á tauromaquia: unha asinada por Mauro d'o Pereiro (MdP2) na que menta un toureiro ourensán chamado *O Gordito*. En maio un lector que está en Madrid e que asina como L.P. (¿Labarta Pose?) (LP-TMP), comenta a collida de Frascuelo dicindo que está

> *Queimado d'o carauter d'ista xente de Madril, e mais n'istes últimos dias en que todo iste pobo andivo de balixa pol-a collida de Frascuelo, de que xa terá notiza pol-os diarios. Parés unha mentira o interés que toma toda ista xente por un toureiro, despreciando a miles de desdichados que son dinos de millor sorte [...] qu'iste feito lle sirva de tema para un parrafeo en que libre unha batalla contra as lias de touros en Galicia, donde por desgracia us cantos tiveron a malfadada idea d'as fomentar, cando en España encomenzaban a decaer y'eran a ignominia d'ista nación ós ollos d'Europa culta.*

Obsérvese a denominación da corrida como *lía de touros*.

En xullo outra diatriba contrasta a falta de escolas coa innecesaria construción de prazas de touros [103].

> *Van as cousas de Galicia, / De tal modo e tal maneira, / Que revento de coraxe / Cada vez que penso n'elas. / Parés que ô mundo o rivés / Se puxo n'a nosa terra, / Poil-os homes van facendo / Cousas que o xuicio negan: / Estamos langranexando / Por ilustración e cencia / Y-en vez de facer escolas / Onde os rapaces deprendan, / Facemos prazas de touros / Que a barbárie representan. / A agricultura está morta, / O comercio en decadencia. / A endustria por-alá vay / Seguindo a mesma carreira, / Y-en vez de lle dar adianto / As forzas d'a nosa terra / Cal si nugalláos fósemos, / Pé sobre pé con indifrenza / Deixamos que todo morra / Que todo n'ela pereza, / E cando medo nos pon / Tanta disgracia e miseria / Cando os males que sofrimos / Nos van matando co-as penas / Cando d'os probes os verros / 'Os nosos oubidos chegan / E vemos ermol-os os [sic] montes / Os soutos, os vals*

[101] En Vigo parece que houbo dúas corridas na festa da Reconquista do ano 1897 nas que lidou Rafael Guerra. A crónica, esta vez en castelán, resalta tamén o pouco coñecemento do público e o artificio de vestirse de andaluza a xente que asistía.

[102] *Las antiguas fiestas ciudadanas del Corpus se habían perdido por lo menos en los últimos decenios del XIX. Antes había iluminaciones y toros en la plaza. Los viejos de comienzos del siglo actual [XX] aún contaban de aquellas lidias y de la grande concurrencia* (ROP4:235). [...] *No hablemos de los proyectos, entusiasmos, fracasos y abandonos de una plaza de toros. las hubo transitorias, se produjeron incidencias cómicas y tristes. Mejor el silencio piadoso, aunque la idea sigue, desgraciadamente, viva...* (ROP4:241). En agosto de 1934 a revista Raza Celta (p. 15) informaba na súa páxina 15 (164 do facsímile) de que o Hotel Balneario da Toxa no escatimará sacrificio alguno para montar unha becerrada nesa illa para a súa clientela (http://www.cirp.es/pub/docs/revrec/arazua.pdf [25.09.2009]).

[103] An3b:208. Debe referirse ás propostas que circulaban de construír prazas de touros estables en Ourense, Pontevedra (da que falaremos máis tarde en 11.12.3.) e en Vigo (que, como imos ver, criticará *O Galiciano* en 1886).

as veigas, / Enton cobardes fuximos, / Fuximos d'a nosa terra, / E solo pra nos manter / Vamos a sega a Castela, / Ou alá no extrano cháo, / No extrano chao d'as Amérecas, / Deixando a Galicia horfa / E morrendo de tristeza.

No mesmo mes *Pepe do Pendello* (PdP:199) critica o programa de festas do Concello da Coruña por convocar un certame de poesía só con trinta días de prazo e por incluír unha corrida de touros:

Ansí anda elo, e ansí andarán os poetas con istes nagocios, e mentras presidan os Certámes, Gobernadores Civiles e Capitás Xenerales, e outros relumbrós, que malo rayo no me parta si nin migalla se lle dá pol-o adianto da nosa poesía pátrea. // Pol-o anúnceo d'a festa, que debeu recebir vosté como presoa decente, verá que temos tamén corrida de touros, cousa que n'istes tempos fai as legrías de catro cabezas de cabaza, que viven entre nós. // O millor d'a barullada é que o Auntamento d'a Cruña, anuncia n'o Programa de festexos ista bárbara loita, isto é, os encargados de nos moralizar, votándonos de perda. Xa non me pasma que o dia que menos un pense, apareza á un Auntamento dicindo onde hay boas rapazas para lles facer as ñáñaras, e inda mais.

E en agosto Mauro d'o Pereiro (MdP3:231) critica a corrida do Apóstolo en Compostela:

De touros non digo nada / Por ser todo un escandalo, / E soilo debo contarlle / Qu'había moitos mirando / D'Ourense, de Pontevedra, / De Vigo e de outros lados / Sin meter en conta ós que / Se pasean por Santiago, / Sintindo de curazón / Empregar tan mal os cartos, / Dar de comer a gandules / Cal son os que traballaron / N'aquela corrida que / Mais ben que de touros bravos / Veu a convertirse n'unha / corrida de touros mansos; / Corrida n'un todo porca, / Corrida que foi un asco, / N'a que o Xosé ou Pepe / Ise chulo tan finchado, / E os demais pisatoupos / Que s'hachaban capeando / Adquiriron fama e nome / De ruis aficionados; / Moito mais dicir podia / D'o que guichei en Santiago, / Pero teño por prudente / Quedarme con il n'o papo.

Oito anos máis tarde, en 1885, *O Tio Marcos d'a Portela* (An7:7) volve ó tema, facendo unha breve reseña das corridas de Ribadavia e abre unha nova perspectiva simbólica do toureo.

N-as festas de Ribadavia ademais de foguetes, verbena, músecas e gaitas, haberá un simulacro d'un feito histórico e outro d'as fazañas de Pedro Madruga á cargo d'o fogueteiro. Haberá tamen corridas d'as mellores vacadas d'o país. ¿Onde están esas vacadas? Corréranse á fungueirazo limpo como de costume as vacas que dempois d'axudaren n-as suas angueiras ôs labregos e de viviren n-a sua compaña, xa non sirven mais que pr'o matadeiro. Si os animaliños falasen, xa nos dirian que ansi lle paga o demo á quen-o sirve.

En 1885 encontramos outras alusións ó exotismo das corridas de touros (MP):

As cornas d'o demo non lle podian tampouco poñer medo [ó zapateiro], *porque dende que tiña ollos n-a cara e dinantes que soñase en coller a subela, xa vira as cornas d'as vacas e d'os bois, e sabia por esperencia que as cornas d'a nosa terriña campan n-as testas d'os animaliños por adorno e non pr'afuracar bandullos. Además –segun as crónecas botaba esta conta– a lua tamen ten os seus cornos, e cando pol-os ceos andan, non é milagre nin cousa de mal agoiro que o demo os leve na cabeza.*

Mesmo os galegos de América fan alá do antitaurinismo unha cuestión de galeguidade (An7b).

Parece qu'algús gallegos cobizan o pensamento de facer n-esta cibdá [da Habana] *unha velada literario-musical c'o carauter de xogos frorales. A idea non pode ser mais dina d'os nosos laudes, e dende logo damol-a nosa pequena axuda pra leval-á bô termo [...] Adiante! Os gallegos levamos xa a honor de ser os primeiros que n-a América d'o Sur fixeron tales xogos frorales; levémola tamén n-as Antillas. // Outras provincias trouxeron aquí corridas de galos e touradas: os gallegos importemos eses palenques d'a sabidencia que levan a nobre lênda da* Patrea, Fides, Amor. // *A'storia daranos, si tal facemos, honrosos laudes.*

En 1886 *O Galiciano* de Pontevedra (An11a:3) publica unhas lerias que salientan o horror que se pode chegar a ver nunha corrida de touros.

Na derradeira corrida qu'houbo nas festas de Jaen, un mozo saíu a capear unha vaca, pro a vaca capeou de lo lindo ó mozo; colleuno tan a xeito por debaixo da barba que, atravesandolle un corno non tén outro nome, qu'eu seiba toda a cabeza, paseouno tranquila e fachendosamente pola praza in diante astra que lle paresceu, pois naide se astreveu a irlle acudir. Escontra este vicio, hai esta outra virtú: Na ciudá de Vigo, unha empresa particular, vai facer unha praza de touros. ¡Quen'os verá!!... E, como atinadamente canta Labarta Posse, quirticando unha corrida en Galicia, diremos: ...compoñíase a cuadrilla de toda a xente da praza, os que pinchaban pirmeiro, eran... pirmeiros espadas; picadores... ¡tod'o mundo ós probes bichos picaba!; bandarilleiros... ¡os coxos!; capeador... ¡quen tiña capa!; os touros... ¡mártires dinos quizais dunha millor causa!... O Gobernador de Burgos prohibeu terminantemente as corridas de touros naquela praza. Ise Gobernador merecía, da miña própea man, un pucho de... castañas asadas,

porque con outra cousa millor non conto pra poder agasallá-lo como merece. Paresce mentira se consintan, en preno sigro XIX, ises repunantes espeutáculos que tantos prexuícios morales e matariales nos acarrexan [104].

En 1887 *O Tio Marcos d'a Portela* publica o coñecido poema de Labarta Posse (ELP1), crítica en verso dunha *corrida de touros* en Noia, que fora premiada en Pontevedra en 1886 [105] e na que ridiculiza o espectáculo montado nesa vila un 24 de agosto, festa de San Bertomeu, padrón de Noia. Velaquí un par de fragmentos dun poema do que coñecemos cinco edicións en once anos:

Y-acó teñen xa vostedes
n-a praza o touro pirmeiro
(que tiña de touro bravo
o que tén de manso o demo)
y-ô mirar que tod'o mundo
quería alí ser toureiro
y-hastra se botaba á touro
(por darse tono) un becerro
... ... compoñíase a cuadrilla
de toda a xente da praza,
os que pinchaban pirmeiro,
eran... pirmeiros espadas;
picadores... ¡tod'o mundo
ós probes bichos picaba!;
bandarilleiros... ¡os coxos!;
capeador... ¡quen tiña capa!;
os touros... ¡mártires dinos
quizais dunha millor causa!
...
¿Qué delito fixeche, meu neniño,
pra que che den os homes tan mal pago?
¡Ti, que nunca lles deche unha cornada,
nin pra fuxir, siquera, tiñas ánemo!
¡Ti, tan manso, tan vello e tan cumprido,
qu'eras un touro xa civilizado!
¡Ti que xa un bó retiro merecías!
qu'homes conezo eu, qu'o están cobrando
con moitos menos anos de servizos,
e sin tanta cabeza nin traballo...!.

Ó texto xa visto de 1885, engade esta revista outro en 1887 que se volve referir ás corridas de Ribadavia [106]:

N-os derradeiros d'Abril, e c'o gallo d'as festas d'o San Pedro Mártir, houbo en Ribadavia unha corrida de touros. Os touros eran vacas y-as corridas facíanas os mozos á todo fuxir, como valentes, dempois de lle mallar o lombo ôs animaliños. A mocedá d'o Ribeiro d'Avia fixo d'aquela o que os gobernos fan c'os labradores: mallalos dempois de servírense d'eles.

Nestes textos de 1885 e 1887 aparece por primeira vez a visión do espectáculo poñéndose no pelexo do animal, que será o que triúnfe, porque a maior parte dos galegos asúmeno como propio. A crueldade co débil (neste caso o animal) pasa a ser símbolo visible do que ó proletariado (rural) galego lle acontece na vida civil. O anónimo redactor (probablemente Lamas Carvajal) remira o feito das corridas e realiza unha recarga semántica. Fronte a unha pretendida simboloxía relixiosa que as convalida, o poeta dos labregos crea unha nova maneira de ve-las corridas de animais que as invalida e que as converte en símbolo civil que estimula a loita progresista a prol do débil.

En 1888 aínda insiste cun longo poema, sen sinatura (An14: 6-7), que describía as corridas de vacas de Ribadavia, do que entrecollémo-los versos seguintes:

Foi a corrida de vacas
espeutáculo grandioso,
perdoando a comparanza,
unha corrida de touros
pro tan solo co-a diferencia
(custión a fé de ben pouco)
de que os touros eran vacas
que xa non podían c'os cornos

No 1888 *A Fuliada* tamén incluíu un diálogo crítico cun espectáculo que consideraba propio de flamencos andaluces e non de galegos [107], aínda que no ano seguinte *O Novo Galiciano, Defensor d'os intreses gallegos,* seguía dando novas da corrida polo san Bertomeu, como xa vimos en 11.7.5.

---

[104] De maio a outubro publicou diferentes crónicas contra a organización de espectáculos taurinos. Coma tal a deste fragmento: *Si vostede, que tanto s'enteresa polo adianto e millora da terriña, soupese qu'alguén tiña pensamento de pór Praza de Touros en Galicia pra dar ese espeutáculo salvaxe qu'afrixe o corazón e qu'arrepía; logo que xa estivese levantada i anunceado en carteles a corrida, poñalle un fachuqueiro, pra que voe envolta en lebaradas e faíscas: ¡que consentí-lo é o maor borrón! ¡¡a gran obra da civilización!* (An11c:31).

[105] Presentáraa co lema: *Coa miña moca ó lombo, capa e cirolas, n'hai toureiro nin raio, qu'a min me tosa!*

[106] An13: 6.

[107] *-Sobre todo, amo; os festexos que s'acorden, ou ó menos algús deles, deben ser en ousequio do púbrico, é dicir, daqueles que non nacesiten desembulso, porque si non, irémo-los gastar ás romarías e fuliós qu'hai abondo no vrau e nas que, si non nos alustramos, ó menos adivirtímo-nos ó noso modo sin ter que vender os touciños pra poder ver os touros, os certames, os torneos e outras alilailas polo estilo; -Así sodes os boiros d'aldea; sempre refrautarios ó progreso, e así, si algunha vês ides ver unha corrida non sabedes*

No século XX os textos antitaurinos aumentan en número e en calidade. En 1906 Antón Villar Ponte publicou un texto crítico [108]. De 1913 podemos lembrar aquel parágrafo da revista fonsagradina *O Tío Pepe* (An18:4):

> *Unha revista literárea pubricou un númaro na ousequia dil vendendo tod'a ediceón ó poñé-la no mercado. Os programas de luxo da corrida mercaronse a dez pesetas en Madrí e a once nas provínceas. A ganáncea da corrida apricada a fis benéficos, que teñen relación ca tourería, foi de vinte mil pesos. Decrarou, o que deixaba o toureo, qu'as súas ganánceas, ó trocar d'oficio, andan a carón de tres millós quinientas mil pesetas. Moito ben: ¿qué é un toureiro? Pois por calquera lado que se olle é un home que non tendo, non querendo ou non sabendo facer ningunha cousa, se dadica a ferir, queimar e matar a unhos animás tan útiles á agricultura coma son os bois, cousa que con xusta causa nin deixan facer en Inglaterra, nin en Alemania, nin en Suecia, nin en Dinamarca, etc. etc., en todas as naciós verdadeiramente cevilizadas. ¿Qué é unha corrida de touros? Non volo sei; non puiden nuncras, anque fun a ben dilas en Barcelona, Regla e outros síteos, mirar pra dentro da praza máis que cando dan o paseio as coadrillas, pide as chaves o alguacil ou supen que morreu o touro e non houbo nin homes nin cabalos mortos ou feridos; pro, coma non tiven porcataceón de tapá-las orellas cando estiven nilas, oín tantas cousas feas, tantas barbaridás, tantas cousas merecentes dun escarmento, qu'unha de dúas: ou eran salvaxes os qu'as facían e dicían, ou estaban bébedos ou tolos, comenzando polo concexal qu'as presedía. Eu lera, facía algunhos anos, a descriuceón que fai na 'Vida de los animales', de Brehm, un irmau do outor, dunha a que asistiu en Murcia; pro, francamente, ós praceres e gustos desemellantes de cada pobo, achaquei as acusaceós que lle fai ó noso por istas costumes, hastra que vin a primeira e deume vergonza, porque formei da festa pior conceuto que ficera aquil insine naturalista. Secuénceas: un vago que non lle dona á sociedá ningunha utilidá, en catorce anos xunta tres millós e médeo de pesetas pra dedicarse agora a comé-las, na terra, na qu'os rapaciños non teñen mestres d'escola, nin istes síteo onde facé-la; onde as casas de beneficéncea, a de Lugo non me deixará mentir, non teñen que dar de comer ós pequenos; os hospitás cuasque non os hai; os obreiros non ganan pra comer nin teñen onde vivire, e, o que é máis dooroso, nin onde traballar. Con traballo, vanse xuntando os cartos das pagas; pro, pra unha festa salvaxe, pra unha tarde de borracheira, nun pobo soilo que debía ser mostra e exempro na España, tiranse máis de vinte mil pesos coma si foran menciñas na mata dunha besta vella. Somos o pobo que menos lee na Europa, o que menos libros pubrica; pro, en troque, ó amosar unha revista, que se chama literaria, a reseña da retirada dun toureiro, hai que facer unha nova ediceón cando non s'acabou cuase de pubricar a outra. En moitas casas da nosa pátrea non encontraredes un silabáreo, unha cartilla da Doutrina; pro, o retrato dun ou de dous toureiros, sí. Á nosa Reina exixelle a populachería que vexa unha corrida de touros, que non é posibre que ningún ingrés diga na súa terra que tivo frema abondo pra vé-la compreta; pro nin o Rei nin ela poideron asistir ó congreso de Hidroloxía, Xeoloxía, etc. qu'ó mesmo tempo houbo en Madrí, no que sábeos do mundo enteiro s'ocuparon de cousas qu'á nosa pátrea e a humanidá ll'importan moito máis que Bomba e Machaco se retiren ou non.*

Lembremos maiormente aquel coñecido retrato literario da vaca no que Castelao describe a sensibilidade galega ante os bovinos (e co que abrimos este libro). Noutros textos ten alusións claramente antitaurinas, coma cando di en 1919 [109]:

---

dicir en framenco: ¡Olé, viva tu mare, Curriyo! nin sabes o qu'é un volapié, un quiebro, un trasteo, e outros moitos vocabros polo estilo.-Bos estamos os gallegos metidos a toureiros. Eu estoull'argulloso da terra en que nacín, e non pertendo ser nin falar en framenco : e en vês d'oles boto aturuxos, e en vês d'apraudir ós que matan os touros, coido de qu'os meus vermellos estén locidos e vivan sin padescer. E a propóseto déixoo a vosté, porque decátome de que teño qu'ir coller a herba pró gando; -Pois vaite con Dios e astr'outra; -Que non haxa novedá (*A Fuliada* 7,15.03.1888;7).

[108] AVP1. *Galicia progresa, no hay que dudarlo. Progresa, a pasos agigantados. Y no vale fruncir las cejas, no vale hacer gestos dubitativos. ¿Es que acaso estamos en vísperas de contar con excelentes puertos francos, con buenas vías férreas, con modernas escuelas y granjas agrícolas? // No; nuestra palingenesia no se inicia por ese lado. Eso vendrá más tarde, cuando al magnánimo poder central se le antoje. // Ahora, lo principal estriba en el fomento del flamenquismo. Santiago se preocupa de la construcción de una plaza de toros; Vigo, también. Pero hay otros pueblos pequeños que les han tomado la delantera a ambas poblaciones, con objeto de demostrar, sin duda que la pequeñez territorial nada tiene que ver con la cultura. // Y así es en efecto. Dígalo Noya que desde antiguo rinde culto a la tauromaquia, disfrutando en este terreno la primacía regional, como ha demostrado muy bien Enrique Labarta en una de sus más graciosas poesías. Dígalo asimismo Cedeira que se honró ya con dos novilladas veraniegas. // Pero ahora le ha tocado el turno a Padrón. Padrón organiza dos lidias de novillos para la próxima Pascua. Y estas lidias prometen resultar transcendentales. Como que correrán a cargo de una "Cuadrilla escolar compostelana". ¡Figúrense ustedes si esto no resulta más serio todavía que una Tuna con vistas a la federación ibérica! Porque, indudablemente, si de dichas lidias no sale la regeneración de Galicia, no sabemos de dónde podrá salir. ¡Una cuadrilla de escolares novilleros! ¡Y para mayor solemnidad de la fiesta un médico distinguido y elegante, actuará casi como de director de la novillada! // No cabe duda de que se trata de notas culturales dignas de toda loa. ¡Oh, manes de Macías el enamorado y de Juan Rodríguez de Padrón! // Aún hay patria, padroneses. La afirmación del flamenquismo gallego vendrá en la Pascua, como Mambrú. Y vendrá dirigida por jóvenes intelectuales*.

[109] CAS1.4: *Arte e galeguismo*, 133-159. O texto que copiamos procede da páx. 151.

Mais... ¿que lles importa ós homes do noso Estado as cousas do Arte? O arte non ten fronteiras e ó famento i esguniado pobo da Hespaña abóndalle coas corridas de touros, que fan de nós un Estado pintureiro, único na Europa civilizada.

Lembremos tamén o que escribía Lustres Rivas en 1921 [110]:

As prazas de touros na Galiza teñen o sinificado abafante da colonización a base d'imperialismo. Castela conquistou a Galiza co'a espada en edades pretéritas. E nos días d'agora axeitóuse para que na Terra -asín con maiúscula, que aquí a verba dí Patria- se erguesen tres d'isas edificacións redondas e antiestéticas [111] nas que a chulería pon cátedra de riles a hespañola, querse dicir, de masculinidade parva e fachendosa, pois aprícase â consagración do salvaxe. Ser nazionalista e amigo das corridas de touros parécenos absurdo.

No 1962 Vicente Risco fai unha reflexión que, como autoridade da etnografía galega que era, merece ser reproducida e cadra con canto vimos dicindo [112]:

Na tarde de Corpus facíanse "comedias profanas" nas prazas, funciós de funámbulos e títeres, e principalmente corridas de touros, xogos de cañas, xustas e sortija, nos que os fidalgos e señores lucíanse e divertíanse, divirtindo ó mesmo tempo á xente do pobo, habendo así ledicia pra todos. Con seguranza que o pouco que hai de tradición taurina en Galiza (en Noia, en Ribadavia, en Allariz) vén daquelas festas do Corpus. Tamén gracias a elas debéronse conservar certos exercicios de Cabaleiría, como o Estafermo de Mondoñedo. O toreo que se usaba en Galiza no séculos XVI e XVII era a cabalo, motivo de lucimento prá mocedade fidalga, segura importadora do costume. Mais debéu haber tamén touradas viláns e imitanzas e arremedos, como o boi de Allariz, e cecáis tamén touros artificiás, dos que pode ser lembranza a Morena do Entroido de Laza. Case todas estas cousas foron desaparecendo, algunhas xa no século XVIII, en que a "Ilustración" trouxo un desprecio pedante por todo o que fose popular ou pintoresco, do que aquiles señores dicían que eran cousas groseiras, cando non indecentes; os do século XIX chamábanlles fachas e carnavaladas. Non hai moito tempo que a procesión do Corpus ficóu reducida ó puramente litúrxico, deixando de iren nela as imaxes dos santos.

O toureo non é cousa da aldea, verdadeiro domicilio do gando bovino: cando alí aparece é xogo sen sangue (como veremos en 11.10.3 de Zacande, Meis) ou simple parodia (coma a do antroido estradense que en descrición póstuma nos transmitiu García Barros (GB2:29)):

[O domingo de Antroido] *Sentábase cada cal onde a súa "espadeladeira" comenzando os parrafeos, ou acompañábanas nos cantares, e rematado o traballo armábase a ruada, beilando os uns coas "outras" unha muiñeira que tocaba o gaiteiro.*

Outro ano fixerase unha "corrida de touros". Había mozos que foran ó servicio e viran algunha. E fixérona con todas as da lei: capeadores, banderilleiros, espadas e monos sabios. De touro fixera un veciño de resistencia físeca probada, cuberto cun encerado e adousada unha testa de touro cos seus cornos naturaes. Bruaba, patuxaba e trucaba barbaramente. Houbo quites moi ousados e non se tirou do curro ningún toureiro morto.

11.9.2. ¿Un texto taurófilo en galego?

Como diximos a taurofobia converteuse nun topos para quen escribe en galego. O único texto parcialmente taurófilo que coñecemos en galego é un *maio* pontevedrés de 1926 (XFV1:184):

N'hai unha plaza de touros
como a nosa en ningún lado
con herba no redondel
para pastar o ganado.

Tamén están os tendidos
cubertos con meravillas (sic)
coidado que tivo gusto
quen a arreglou este día.

Non atopamos outros textos taurófilos escritos en galego.

[110] MLR:4-5

[111] Posiblemente se refira ás de Pontevedra, A Coruña e Vilagarcía.

[112] VR1:666-667.

11.9.3. Humor gráfico galego

Por esta época empeza a aparece-lo cartelismo taurino e tamén aparece o humorismo gráfico antitaurino. Ignoramos se nalgún outro lugar da península ibérica os humoristas gráficos militan unanimemente no grupo crítico e satírico coas corridas. Eis algúns exemplos.



O Santo Apóstolo non gustaba das corridas de touros e mandou que os ventos desfixeran a plaza (Castelao: *175 debuxos de Castelao*).

Un dos máis sonados é aquel debuxo de Castelao no que un paisano pasa ante un cartel que anuncia *Toros en Santiago* e exclama *Lástema de bois!* [113]. O semanario *A Nosa Terra* dedicoulle toda a súa portada do 20.07.1917 nos días previos á festa do Apóstolo. Coidamos que acerta a expresa-la mentalidade tradicional galega, que ve nas corridas a estragación de animais que podían, moi ben, ser unha valiosa enerxía tractora. Tamén presta ler (en 16.2.) aqueles versos titulados *Nos touros*, de Pepe do Rollo.

11.9.4. ¿O *boi galego* símbolo do home galego?

Un dos elementos que máis afastan Galicia da taurofilia hispana é a antiga tradición galega de que entre nós os bois bravos fanse mansos.

O primeiro caso é o dos bois bravos que se deixaron xunguir e que trasladaron antepostos o corpo de Santiago de Iria a Compostela.

[113] Nunha entrevista concedida a Bagaría na revista *España Médica* (abril 1912), Bagaría pregúntalle a Castelao: -*¿Te gustan los toros?* E Castelao responde: -*Yo jamás asistí a una corrida de toros. No soy amigo ni enemigo de la fiesta nacional; pero me repugna la sangre. Creo que si viese matar a un toro, aunque fuese artisticamente, exclamaría como el aldeano de una de mis caricaturas: '¡Que lástima de bueyes!'* (CAS1b:54).

O segundo caso é o do bispo compostelán Ataulfo que, acusado en falso de homosexualidade, o rei condenouno a morrer destripado por un boi bravo; pero o boi, previamente acirrado, foise deitar ós pés do bispo proclamando así a súa inocencia. O episodio aparece en textos latinos (*Historia Compostellana* 1,2) e galegos en prosa (*Cronica de Santa María de Iria* [114]) e chegou a un poema (*O touro*) de Lorenzo Varela que podemos ler no capítulo 16. *A vaca na literatura.*

Xa vimos tamén (11.7.5.) como o Cura de Fruíme testemuñaba o menosprezo castelán dos touros galegos (*Los de otros Reynos en nuestra España hacen donayre ó burla de los toros de Galicia*). Os bois galegos, mesmo os de Fecha, son comparativamente mansos. E esta mansidade dos bois converteunos en símbolo de cómo é o home galego: traballador, sufrido e manso.

Velaí unha terceira recarga semántica ou resimbolización que se operou en Galicia, fronte á unívoca de bravura e machismo propia do *toro* castelán. O *manso boi gallego* é un tópico literario que xa aparece no poema de Curros titulado *O Ciprianillo* [115]:

Xan de Deza, bon labrego,
que deixache tanta sona
nas Castillas,
onde, manso boi gallego,
fuche a gala, a fror i a tona
das cadrillas.
Mau de ferro, brazo forte,
fouce d'ouro a máis lucida,
rei da sega,
que sin medo algún da morte
t'afanache toda a vida
na refrega.

Por definición, os galegos temos touros pouco bravos. E o *manso boi gallego* non só define unha raza de bois pouco bravos para a lida senón que se eleva a designa-la poboación humana galega que é forte e valerosa pero mansa: a resignación galega. Como xa vimos en 11.7.5., ó falarmos da corrida noiesa, o que máis humillaba ó portugués Carballo era que a un home valente coma el o ferise un *boi galego.* E desta mansedume a única excepción que coñecemos é o touro de Fecha, que xa mentou Sarmiento no século XVIII, que se volve mentar en documentación do XIX e que deu orixe á locución *puxante coma un toro de Fecha* que Vicente Llópiz recolle no XX no seu *Refraneiro* inédito co seguinte comentario "tienen fama de bravitos los toros de esa localidad".

Esta diferenza de carácter dos bois galegos deu lugar á locución de *manso boi galego* que se aplica a persoa forte e sufrida, é dicir, que non utiliza a súa forza natural para atacar. Non parece inverosímil que se convertese mesmo en símbolo do carácter galego: forte no traballo e paciente na adversidade ou na agresión. Esta paciencia que contén a resposta á agresión está moi próxima á covardía con que non só se tipifica o boi senón tamén o home galego.

---

[114] *Et morto Rrenamjro, soçedeu eño rreyno Ordonjo, seu fillo. Et aa fin de Atheulfo, obispo, soçedeu eno santo lugar outro Atheulfo, obispo santo. O qual foy acusado de sodomja de quatro seus criados, seruentes da eglleia, et foy lançado enã praça cõ huũ touro brauo. Fezerono por rrazõ de tan feo e tã grande pecado, por que suas carnes fosen rrompidas et, en tan grande praça, postas aa vergonça et aa morte por aquel touro brauo. Mays cõmo a mjsericordia de Deus nõ desanpara aaos que en ella cõfian, et porque o santo obispo era sen culpa, libroo Deus cõmo adiante dira. Veendo asy o santo obispo condẽpnado por sentença tan cruel et cõ tal falso testemoyo, leuantouse muy de manãa aquel dia que o asy aviã de lançar ao touro et, cõfiando da piedade de Deus, çelebrou missa cõ vistimenta de pontifical. Et acabada a missa, asy o tomaron, comõ estaua vistido eña vistimẽta, et muy cruelmente o leuarõ ao touro brauo. Miragre de Deus! A cõmo quer que a aquelas oras poseron os caẽs ao touro et começarõno de garrotar porlo ensanar, por que viese ao santo obisto, et a cõmo que o asy agarotaron et lle poseron os caẽs et lle asobiaban porlo ensanar, nũca o touro brauo curou de lle fazer mal ao santo obispo, antes se foy asentar de gionllos ante el, manso cõmo se fose cordeyro. Et entonçes o santo obispo o tomou porlos cornos, os quaes lle logo ficaron eñas mãos, et o touro se foy en paz. Et quando el rrey et todolos que ende estauã virõ atan grande mjragre foron moyto espantados et os seus falsos criados, que lle leuãtaron o falso testemoyo, forõ Justiçados. Et o santo bispo leyxou a denjdade, et maldiso el, et foyse para as Esturias et finouse enã era de noueçentos et quatro. Et en memoria de tanto mjragre, o manto cõ que el disera a mjssa et leuaba vistido aquel dia qye o deytaron ao touro, foy despoys de tanta vertude que se alguũ obispo o vestise para çellebrar cõ el, et esteuese en alguũ pecado, nõ llo podiã despoys sacar por njhuã maneyra. O qual teuerõ enã dita eglleia por rreliquas gran tenpo et njguũ obispo nõ era ousado de o vestir, fasta que porlos mouros se perdeu a terra* (RV: 4,2).

[115] Primeiros versos do poema *O Ciprianillo* (MCEb: 159).

Non parece inverosímil que, a medida que fóra de Galicia se ía criando un touro de lida cada vez máis bravo, se fose falando con certo desprezo da menor bravura do boi galego. E non parece inverosímil porque en Galicia elaborouse unha tradición que parece resposta a ese desprezo do boi galego. Referímonos á tradición galega de que en Padrón os touros máis bravos fanse mansos, como repetición do milagre xacobeo dos bois bravos que a raíña Lupa dá para levar a enterra-lo corpo de Santiago e que a proximidade do santo amansa, de xeito que milagrosamente se deixan xunguir.

A falta de novos datos todo nos leva a supoñer que Galicia quedou á marxe da práctica xenética de conseguir bois bravos, se cadra, por estar máis interesada na gandería e na agricultura e, en consecuencia, na utilización dos bois ou como sementais ou como animais de tiro.

Máis en diante, na epígrafe 13.3.10, veremos que tamén a vaca se converteu en símbolo da Galicia oprimida e redimida.

11.10. As corridas actuais de touros e vacas en Galicia

A máis salientable novidade dos diferentes tipos de touradas en Galicia é que hoxe son un espectáculo estritamente laico e sen ningún soporte relixioso. Nada hai semellante ós sanfirmíns que empezan co canto ó santo. Os bois só aparecen levando procesionalmente a imaxe da Franqueira.

Polo que levamos visto, en Galicia houbo basicamente catro tipos de espectáculos taurinos: a *loita dos bois* ou *chega dos bois*, na que dous bois compiten entre eles (concello de Muíños na raia portuguesa do Couto Mixto), a corrida do boi (tipo Allariz), a corrida sen morte (tipo Noia antigo) e a corrida con morte, regulamento español (tipo Pontevedra, A Coruña ou actualmente Noia). A isto habería que engadirlle a innovación feita en 1995 na Bandeira coa corrida da xovenca, dentro da Festa da empanada [116], a becerrada de Zacande (Meis) en 2001, a parodia da festa de san Fermín na Illa de Arousa no Entroido do 2004, na que os mozos correron ó estilo de Pamplona pero cun becerro que un deles levaba pola corda; e, xa no 2008 ou 2009, as becerradas de Allariz, O Pelete (A Lama), Campañó (Pontevedra) e Valga; e no 2008 a corrida convencional de Muíños que substituíu a tradicional *chega dos bois*.

11.10.1. A chega dos bois na Limia e a pelexa de touros nos Ancares

Poida que o máis antigo, o máis espontáneo e o menos artificioso espectáculo con bois sexa a contemplación do natural enfrontamento de dous machos pola autoridade no territorio e na manda. Os bois turran un contra o outro para faceren que o contricante abandone aquel territorio no que eles son a única autoridade e, contra o que dicía Virxilio nas Xeórxicas (11.3.4.), normalmente non hai derramamento de sangue [117].

Algunhas detalladas crónicas (VG2:6.08.2006) din que por veces o enfrontamento dura escasamente un minuto:

> *Acaba de aparecer el primer buey. Es rubio y su estampa impresiona. Un jovencísimo pastor está a su lado y le rasca con el palo la testuz y la espalda. 'Así se tranquiliza' nos dice. Poco después aparece el segundo buey. Blanco, igualmente impresionante. Los pastores los liberan y durante un buen rato ambos se miran de lejos y caminan en círculos. Finalmente, de forma inesperada, se vuelven y se enfrentan con un choque de cabezas. Al instante siguiente el blanco escapa.*
>
> *'Antes aguantaban máis. Ahora os bois están satisfeitos, e aquí nunca loitan como cando están soltos. O outro día estivemos vendo a dous no monte, casi cuarenta minutos.*

O seguinte contrincante faille frente durante corenta segundos, e así os que seguen; e os veciños sospeitan que o boi que chega primeiro ó recinto adoita gañar, quizais porque se sente con máis dereito sobre o terreo e loita por defende-lo que é del e o outro débese sentir como un intruso.


Este espectáculo estivo vivo en Galicia por toda a Limia Baixa [118] pero debeu de ter unha pervivencia intermitente, porque cando no 2008 o concello de Muíños renuncia a organizalo, a prensa informou de que

[116] Pódese encontrar información en http://www.bandeira.org/festas/vaquilla.htm [25.09.2007].

[117] Vimos unha secuencia na internet: http://www.galiciae.com/nova/14555.html?lang=gl [25.09.2009]. E na mesma data ofrecíase unha secuencia da chega do lado portugués (Montealegre): http://maisala.vieiros.com/nova.php?Ed=53&id=54400.

[118] *Ecoagro*, 21.08.1999. Afonso Eiré fai extensivo este costume a Muíños, Calvos de Randín e algunha parroquia da Serra do Xurés (*A Nosa Terra* 16.10.2003).

levaba 28 anos facéndoo (*Galicia hoxe* 1.08.2008). A aplicación da lei, que veremos en 11.11.3.6., viña dando lugar a sancións administrativas e procesos xudiciais a ese Concello; paradoxalmente esa mesma lei permite que a chega se substitúa por un espectáculo de *forcados portugueses* [119] no que os animais despois serían toureados a pé e dacabalo ata darlles morte, cousa que o Ministerio de Interior define nas súas estatísticas como *Rejones con novillos*. Prohibida a chega de bois en Galicia no 2008, parece que pervive no lado portugués da fronteira.



Monumento ás chegas de bois (Montealegre, Portugal) (Xosé Rodríguez Cruz).

Vexamos agora dúas descricións que, en boa medida, pretenden tamén descubri-lo simbolismo etnográfico latente. Os etnógrafos Xosé Rodríguez Cruz e Antonio Lourenço Fontes contábano así no 2004:

> *As Chegas de bois (que agora hai quen trata de prohibir, na zona galega), ben describidas por Fernando Moura e polo Padre António Lourenço Fontes, tan arraigadas na zona de Barroso e resto de Tras-os-Montes, habería que relacionalas tamén con esta crenza ou veneración sacra ao boi na nosa contorna rexiomontana. Serían resíos, reminiscencias, esgacios das manifestacións anteriormente mencionadas. As chegas de bois están verdadeiramente consideradas como un deporte na comarca do Barroso. O barrosão, sabendo onde hai unha boa chega para ver, deixa os seu quefaceres diarios e vai alá, anque sexa ben lonxe, para non se perder a loita enfervorizada dos bóvidos.*
>
> *O touro que se destina ás chegas é mantido cos mellores pensos. Antes da feroz loita auméntaselle o cupo ou ración diaria de feno, farelos, millo, patacas, gran..., para que o boi estea forte para a chega. E cando a comida escasea: "Por vezes roubam as espigas de milho, as caixas de centeio das súas famílias ou de estranhos ou de terras vizinhas, para dar ao boi. Chegam a tirar da boca para não faltar ó boi, que é preciso engordar para ganhar".*
>
> *Unha vez que se desafiou ao boi contrario da outra freguesía, postos todos de acordo na data da chega, escollido o lugar axeitado e descampado entre as dúas freguesías contendentes, todo está disposto para que os bois turren. É o momento en que hai que pechar o boi na corte, non menos de oito días, para que este aumente a súa bravura para o día da chega, que normalmente se celebra en día santo ou domingo pola tarde.*
>
> *O boi gañador da contenda é guiado por todos os acompañantes da súa aldea de orixe, e todos xuntos, en alegre procesión percorren as rúas do lugar, corre o viño, hai baile e segue a festa rachada ata altas horas da noite, celebrando orxiasticamente a vitoria do seu boi nas chegas, da que eles tamén se senten directamente partícipes.*
>
> *Ese sentimento comunitario que os nosos paisanos, aínda na actualidade, profesan polo boi do pobo ou boi do concello, tamén se podía considerar dentro do tema que nos ocupa. É un sentimento que podiamos debullar*

[119] http://pt.wikipedia.org/wiki/Forcado[11.12.2009].

en varios apartados, o pegureiro encargado da custodia do boi do concello profésalle un esmerado coidado. Esta é unha faceta extrapolable aos dous lados de Tras-os-Montes, deste e doutro lado da raia. Para o boi arránxanselle boas cortes, bos pastos, lameiros de outono, veigas (A Veiga do Boi na Gudiña), centeo, millo, etc.

Ao respecto, son merecedoras de ver as cortes do boi polo norte de Tras-os-Montes, moitas delas coroadas con campá, que mesmo se asemellan a igrexas. Serven estas campás para chamar ó pobo para que acuda ao "concello", para arranxar camiños, para as chegas de bois, para botar a veceira, etc. En terras de Barroso son famosas a corte do boi de Padornelos e a de Trasvassos do Río (concello de Montalegre), esta última pola fermosa e alta torre, que representa na mesma, en relevo, unha testa de boi.

O padre Lourenço Fontes, falando do boi do pobo, como a mostra máis válida do comunitarismo do Barroso, reproduce parte dun interesante texto de Miguel Torga: "Atrai-me esta amplidão pagã, sinto-me bem a pisar un chão em que o deus vivo, de ricos e pobres, de alfabetos e analfabetos é o toiro do povo. Um deus de cornos e testículos, que depois de cada chega e cada vitória, a gratidão dos fiéis, cobre de palmas, de flores, de cordões de oiro e de ternura. Um deus que a devoção adora, sem lhe pedir outros milagres, que não sejan os da força e da fecundidade... Um deus a quem se dão gemadas e cerveja para que possa inundar as vacas de sémen, as moças de esperança, os moços de certeza e a senilidade de gratas recordações. Um deus eternamente viril, num paraiso sem pecado original". Con este relato tan clarificador de Miguel Torga, pouco máis queda que engadir [120].

E o antropólogo Mandianes Castro dío con estoutras palabras:

Nas aldeas de preto de Loureses existe a 'louta dos bois'; cada aldea ten un boi e prepárao para o día da loita, a comenzos de maio. Ese día a xente de cada casa están xuntos. Os bois comenzan a loitar, a xente berra. Hai xente que vén de lonxe. É unha festa, unha especie de desorde. Serve para reforza-la cohesión da aldea, a xente séntese unida en torno ó seu boi e, ó mesmo tempo, é a ocasión de encontros coa xente doutras aldeas.

Os bois que loitan son sempre de aldeas de diferentes parroquias. Este feito ten relación coas peleas dos mozos: os grupos que pelexan son tamén de diferentes parroquias. Os enfrentamentos, pois, teñen lugar entre dúas parroquias diferentes [121].

Nos Ancares tamén houbo este tipo de loitas de bois:

A última vez que subiu o gaun ás brañas foi na década dos setenta, por iso os máis dos homes que andan polos corenta/cincuenta anos pasaron varias noites coidando dos animais… As vacas cos seus xatos, xatas e xatíus botaban arriba varios meses, tradicionalmente dende o San Miguel de maio (día 8) *ata o san Miguel de setembro* (día 29).

Tal data [ó primeiro día] *era coñecida como a Festa das cabanas … a festa non consistía unicamente en comer e beber e logo cantar e bailar ó son da pandeira ou dalgunha gaita, senón que tamén se celebraban pelexas de touros. Os asistentes apostaban cántaras de viño (sobre 16 litros) polos mellores exemplares. Moitas veces a festa remataba mal, enfrontándose uns cos outros, porque habia quen lle afiaba os cornos, xa que estaba moi ben considerado socialmente que gañase o touro dunha casa, amosando así que tiñan bo gando e que o mantiñan ben* (Ancares:385).

González Reboredo sitúa a desaparición desta tradición antes da guerra civil (1936-1939) pero matiza que, ó revés das chegas de bois da Raia Seca, as pelexas dos Ancares non eran un espectáculo público senón unha simple diversión privada de pastores, dunha veceira de vacas contra outra: cada veceira tiña o seu touro e enfrontábanos para ver cal era mellor; e de aí despois a veceira triunfante runfaba de te-lo mellor touro para cubrir, que era coma dicir que tiña mellor gando cá outra.

Finalmente, este tipo de turras tamén existen en Suíza (maiormente no Valais) e tamén en Francia na Alta Savoia e en Italia no Val d'Aosta.

11.10.2. Allariz

Desta corrida, que aínda xustifica o significado de correr, xa falamos en 11.4.2.2 e 11.6.2. e excluía a morte do boi, como testemuña este texto referido á corrida de 1879.

[120] Raiaseca:128-129.
[121] Loures.:98.

> *Con anterioridad se averiguaba en la villa o aldeas donde podía haber un toro o toros que reuniesen las condiciones para el objeto deseado y con ellos se hacía la llamada proba d'o boy Jueves de la Ascensión y Domingos que anteceden al Corpus.- Una vez elegido se trataba con el dueño, se pagaba el alquiler y hasta dábase fianza pecuniaria, ante la posibilidad de un riesgo que lo dejase inservible para el trabajo; esto variaba según las condiciones del dueño y mayor o menor solvencia de los que contrataban. Realizado el trato el buey era encerrado en una cuadra ocho días antes para ser bien cuidado, de la cual salía para ser corrido* (JdPB:91-92).

Peculiaridade de Allariz é que o boi non se mata durante o espectáculo. Con todo iso, a corrida de Allariz non está exenta de sufrimento para o animal, separado dos seus conxéneres e obrigado a percorrer, acirrado e correndo, rúas non preparadas para el. A crónica da corrida de 1879 informa de que o animal ía aguilloado [122] e que, se non era abondo bravo, dábanlle unha bebida alcohólica [123].

O rito estivo vivo durante séculos, aínda que non sabemos se con continuidade; o que parece claro é que se foi secularizando a cada paso máis e converténdose nun festexo que, se cadra contra a intención do creador, foille quitando protagonismo á procesión que trataba de resaltar e protexer. Dando os berros tradicionais de *¡Arriba o boi!* e *¡Abaixo o boi!*, os *homes do sedeño* (que levan pola corda o boi) e *o home da aguillada* xogan a provocalo e a fuxir del polas estreitas rúas de Allariz. E finalmente o boi ensáñase cun boneco de palla. O lerio das formigas, que axudou a intensifica-lo carácter de broma desta festa, foise perdendo [124] pero en 1995 reapareceu o botarlle a bosta do boi á xente [125].

Unha antiga procesión na que o boi simbolizaba nun contexto paralitúrxico o demo foise convertendo nunha carreira lúdica, na mesma medida en que a sociedade se foi facendo máis laica e iconoclasta. A degradación propia de toda tradición fai que no século XIX se constate que, a pesar do compromiso de que o animal ten que rematar útil para o traballo, a xente comete excesos co animal. Vicente Risco (VR1:670-671) describiuna así en 1962:

> *O máis saínte e dino de nota da festa de Allariz é o Boi do Corpus. O víspora e máilo día de Corpus, corren por tódalas rúas da vila un boi bravo, atado polos cornos cun sedeño moi longo, que levan agarrado varios homes, os cuales déixano correr ou turran dil, asegún conveña. Córreo o pobo inteiro, homes, mulleres e nenos. É unha das cousas máis alegres que se poden ver. Semella un pobo de tolos; as mulleres andan esguedelladas, sofocadas, levan todas unha vara branca, sin tona, pra picaren no boi, corren, berran, rin, e acaban sin voz. Botan, sobre todo as mulleres, un berro especial: «Aaaah!... u!.... u!.....» Desafíanse unhas ás outras: «Señora Fulana,*

---

[122] *Seis robustos rufianes sujetaban el extremo de la maroma que prendía al toro por las astas y multitud de callosas manos agitaban con frenesí las picas con que aguijoneaban al toro a fin de que sus bríos y furias se redoblasen. Pero sea porque en Allariz se toman precauciones para transitar por las calles ese día, o por que los forasteros descuidados que ignoran nuestras costumbres, vienen alumbrados por buena estrella, lo cierto es que toda la fiesta taurina se redujo a corridas vertiginosas y a algunos atropellos yendo por fin el toro a estrellar sus cuernos contra el robusto tronco de un árbol gigante. Este percance, este desastre ocurrido al toro, no satisfizo los deseos de los individuos de los gremios, que hubieron de retirarse mohinos y malhumorados maldiciendo de la suerte y del árbol que tan mal tratara a su animal favorito* (JdPB:91).

[123] *Cuando la concurrencia juzgaba cansado o manso al animal le daban una sopa de pan en vino, para animarlo según unos o emborracharlo según otros. Si era poco acometedor para enfurecerle le daban la sangría, consistente en sujetarle por la testuz fuertemente amarrado en corto por la maroma a una gran argolla de hierro; eran dos las destinadas al efecto, una sita en la esquina de la pared del atrio de San Esteban que da al mercado, y otra en la esquina de una finca de las calles de San Lázaro y del Sur, lugar del arranque de esta última, en esta disposición y casi inmovilizado el animal era hostigado con las picas de las varas hasta que le hacían brotar sangre, de ahí la denominación de sangría d'o boy y según el vulgo salía más fiero y acometedor; en el caso de que embistiese a alguna persona decan que o boy fixo unha sorte cosa que por fortuna escasas veces acaecía, apesar de las imprudencias de la concurrencia. Lanzado en plena carrera por las empinadas y angostas calles, en medio de gran jolgorio y alborozo recorría todo el pueblo bajo el grito de guerra que enardecida lanzaba la multitud arriba, arriba, arriba o boy a lo que muchas veces un pequeño grupo de viejas desgreñadas y de baja estofa provistas de un gran farrapo de arpillera añadía limpiarlle o cu co'a rolla. A fines del siglo pasado lo llevaban al Campo de San Isidro, lugar espacioso donde la villa a remedo de la Pradera madrileña celebraba en Mayo la fiesta del Santo Labrador, comprendido desde la Calzada a la Granja, donde en el medio existía un robusto roble al que sujetaban el animal y despues soltaban para correrlo en dicho lugar; cesó esta costumbre al ser enajenado dicho campo y monte de igual denominación para construir fábricas de tenerías en el precio de mil pesetas* (JdPB:92-93).

[124] Era unha broma pesada, porque as tales formigas, sementadas en cantidades masivas entre a xente acababan sendo molestísimas. Xosé Puga Brau recolle (*La Voz de Galicia* 3.06.1988) a protesta do sancristán da parroquia de san Pedro o 12.06.1879 que dicía: *Señor Abade, as formigas ferven na eirexa e van rubindo por todas las partes dos santos. A calva do San Pedro está feita un formigueiro; a boca da Virxen item; o porco de San Antón, ejusdem fúrfuris; non hay codesos que cheguen; nunca na casa de Dios vin outra tal; si non ven o Arnoya á eirexa ou si vostede non fai que chova nela, non alcontro medio de desformigala. Eu xa tomei as miñas medidas: votei catro hisopazos, e nada, saquei a calavera da sancristía e nada, lin os evanxelios e nada; ou as formigas son demos ou non sei qué son porque se mostran tan pouco consideradas na casa de Dios*.

[125] A prensa contaba en 1995 que no descanso que se fai en chegando á Praza Maior, un dos integrantes da organización renovou o costume de recolle-la bosta do boi e botarlla á xente.

fagalle unha suerte! Levan o boi por tóda-las rúas, párano dediante das casas das persoas de consideración, mais é de obriga pasálo polos arcos do chamado balcón do convento de Santa Clara onde, antigamente, as monxas daban ós que levaban a corda, asegún uns, un peso, asegún outro, unha onza de ouro. Tamén tén que parar de precisión en certos sitios onde xa hai nas paredes unhas argolas de ferro pra pasar a corda: alí é onde lle limpan o cú coa rolla, que é outra das ceremonias que non poden faltar. Cando semella que o boi vai canso, danlle sopas de viño. Cando hai algunha señora entusiasta que non sai ise día e se asoma ó balcón, subenlle a corda do boi, e ela tén orgulo de amostrarlla á xente collida na mau.

Como empeza a acontecer agora nos *encierros* de Pamplona, Risco resalta que en Allariz corren *homes, mulleres e nenos* e que as mulleres parecen ter un protagonismo especial. Esta festa estivo en crise na segunda metade do século XX e en 1983 restaurouna a Fundación Xan de Arzúa [126]. O boi parece ser sempre un boi vianés. Actualmente a *carreira* é unha festa con moito viño e moita farra, na que os festeiros comproban a súa resistencia ó sono e ó alcohol ó estilo das festas do San Fermín en Pamplona, e o boi, que corren a véspera e o mesmo día do Corpus, acaba asado e comido. No 1988 produciuse unha innovación: a solta dunha becerra brava, traída de Salamanca, para toureala ó estilo español.

11.10.3. Algunhas becerradas recentes

É un espectáculo recente e doutro tipo que trata de penetrar no mundo rural. *La Voz de Galicia* (23.08.2007) informaba de que se capearían en Zacande (Meis) catro vitelas e un becerro de 300 kg, procedentes de Salamanca, nunha praza móbil con capacidade para 2.500 persoas que pagarían oito euros por asistir. No caso de Meis a información explicita que nin se matarían nin se pincharían os animais: *Los toreros y el resto de participantes en la novillada se limitarán a torear y rejonear a las reses sin pincharlas. Tampoco se matarán en la plaza, puesto que el carácter de la fiesta no coincide con la mentalidad de la cultura taurina. A su término se sortearán las reses entre el público.* A información gráfica de *La Voz de Galicia* (29.08.2005) poñía en evidencia que se trataba dun espectáculo diferente [127].

O 8.09.2008 tamén *La Voz de Galicia* daba noticia dunha capea no Pelete (A Lama). Cómpre notar que nesa data se celebra alí unha festa moi peculiar á sombra dun xigantesco carballo considerado milenario. Coma tódalas festas faise en honor da santa titular da parroquia pero o protagonista é o viño (tinto) que hai que mercar alí (*viño da Santa*). O rito obriga a non bebelo todo: o final do xerro haillo que botar ó pé do carballo. Coa alegría da festa fíxose tamén normal que algúns festeiros llelo boten tamén ós outros comensais masculinos e desa festa tódolos homes veñen coa roupa tintada. Neste ambiente festivo no que o viño corre a esgalla e de maneira rechamante, a evocación dos sanfermíns de Pamplona era posible e por iso alí apareceu no 2008 unha capea.

En 2009, a Festa da Xuventude de Valga incorporou unha becerrada nunha praza construída na praia fluvial de Cordeiro (*Faro de Vigo* 29.06.2009).

11.10.4. Corridas ó estilo español

En Galicia as corridas de touros (agora, si, *touros*), co ritual coñecido como *fiesta nacional* ou *fiesta brava,* hainas, como se dixo, en Pontevedra e, con intermitencias, na Coruña. As vilas que manteñen a tradición son Noia e Padrón; Sarria incorporouse en 1910 (aínda que algúns din que en 1905 [128]), quizais pola paixón taurina do industrial Matías López [129]: en Sarria lidaron toureiros de sona coma El Cordobés e Palomo Linares e, con intermitencias, esa tradición mantense.

---

[126] http://www.festadoboi.com/index.asp [9.05.2010]

[127] En 2009 unha empresa taurina de nome *Zacande* organizou outra becerrada na aldea pontevedresa de Campañó.

[128] En *La Voz de Galicia* (9.10.2007) o empresario taurino Juan Santos afirmaba que en Sarria houbo corridas esporádicas dende 1905 e ininterrompidas dende 1982. O xornal dicía no 2007 que se podía interromper de novo porque a Comisión de festas por unanimidade decidira dedicar a espectáculos musicais o diñeiro co que se subvencionaba a corrida. O empresario explicaba que o trato viña sendo este: o concello subvencionaba a empresa organizadora cunha certa cantidade e recibe o 50% do beneficio pero que o déficit oscilaba entre catro e seis mil euros; mentres por España adiante outros Concellos ofrecen uns doce millóns [sic, pero supoñemos que son de pesetas] a fondo perdido e non participan no beneficio das entradas.

[129] O sarriano Matías López y López (1825-1891) tivo unha importante fábrica de chocolate no Escorial e urbanizou aquel territorio. A súa riqueza e dinamismo levárono a organizar, en boa parte con recursos persoais e ante a desidia do goberno de España, a presenza española na Exposición Universal de Paris de 1889 que acadou os 2.325 expositores. Matías López presidiu o Comité Organizador. Nesa exposición, na que triunfou a música galega de Pascual Veiga, tamén houbo unhas corridas de touros (polo menos o 4 de xullo).

Vilagarcía tivo en tempos unha praza estable (inaugurada o 16.08.1893) e a mediados do século XX tivo corridas nunha praza portátil construída no campo de fútbol da Lomba [130]. Tamén se fala de corridas esporádicas e de diferente nivel en Vigo, en Lugo (na posguerra [131]), en Ourense, en Arzúa (en 1916 [132]), en Betanzos, Cesures, Carril, na Pobra do Caramiñal, en Melide, en Negreira e en Cedeira. Parece que Ribadeo tivo praza estable (Miramar) ata mediados do século XX (MJSB:74), aínda que as fotos que se ofrecen nin son dunha praza fixa convencional, nin os toureiros levan a indumentaria de rigor nin os touros pasaban de ser becerros.

Fóra o caso de Sarria e Ribadeo e os datos esporádicos de Lugo, Vigo e Ourense, sorprende que todo se concentre no territorio da diocese de Santiago.

En calquera caso a asistencia non parece moi entusiasta. Na praza da Coruña, por exemplo, segundo datos que ofrece http://portaltaurino.com/galicia/la_coruna2001.htm, das 19 corridas das que temos datos de asistencia, entre 2001 e 2007, so houbo un cheo; outras 7 corridas (42,1%) ocuparon a praza desde máis da metade a case cheo; e 11 corridas (57,9 %) quedaron entre ¼ e media praza. A redución do número de corridas tamén é significativo: 5 en 2001; 4 (2002, 2003 e 2004); 3 (en 2005, 2006, 2007 e 2008).

11.10.5. A corrida, signo de contradición

O tema taurino inspira en España apaixonados debates por ser unha traxedia na que se mata e morre de verdade. Os que escriben fano dende un rexeitamento aberto, coma Sarmiento ou Franco Grande [133], a unha simpatía igualmente aberta coma García Lorca (1898-1936) ou Rafael Alberti (1902-1999). Luís Seoane pintou o álbum *O touro Xúbilo* (APN6:71). Como rito inspirou pintores coma Goya (1746-1828) ou Picasso (1881-1973) e interesou tamén personaxes estranxeiros coma Orson Welles ou Hemingway. Para os taurófilos é un emblema da orixinalidade cultural hispana [134]. Os fotógrafos, segundo a súa posición, fixan a mirada no horror da tortura ou no estilismo do toureiro. Para os taurófobos é barbarie primitiva adobiada nun envoltorio artístico.

Nos últimos corenta anos o instituto Gallup vén facendo periodicamente medicións do interese dos españois pola tauromaquia. *Investiga* (antes Gallup) fixo un novo estudo en agosto do 2008 [135] do que se deduce que o 9,7% tiñan moito interese na tauromaquia; o 21,4%, algo; e un 67,2%, nada. Aínda que carecer de interese pola tauromaquia non significa opoñerse a que persista nin tampouco pedir que se prohiba, é sintomático que o propio Instituto certifique que o interese mingua; que interesa máis a homes (37,2%) do que a mulleres (25,1%); e pouco á mocidade de 15 a 24 anos (12,2%). Os datos rexionais mesturan Galicia con Asturias e León, polo que non nos din gran cousa (algo ou moito, 31,2%; nada 67,9%); pero anteriormente Gallup dixera que Galicia era a comunidade menos interesada (81%) seguida de Cataluña (79%). Na epígrafe seguinte veremos datos do Ministerio do Interior que confirman esta información.

Outra mostra de que mingua o interese é que TVE deixou de transmitir corridas no 2008 e o presidente do ente público explicou nunha Comisión Parlamentaria o 28.11.2008, que as cinco corridas televisadas no ano anterior produciran unha perda de case medio millón de euros, que a publicidade non cubría os gastos e que a audiencia non superara o 17,1% (1.400.000 espectadores).

Aínda que tiñan como condición non picar nin mata-los animais, nunha actuación de Lagartijo o entusiasmo do matador e dalgún espectador levaron ata o final cruento o espectáculo con tan pouco éxito que o animal fuxiu de sucesivas e infrutuosas estocadas; parte do público marchou, houbo desmaios de mulleres, persoas que berraban *¡pauvre bête!* e a prensa parisina foi moi crítica (LRR:141-145). Aínda que o empresario taurino foi Mariano Hernando, a corrida española non iría a París no programa español da exposición se se opuxese Matías López que presidía o Comité e financiaba boa parte da participación española. A dicir-la verdade, en París houbera unha corrida anterior (16.01.1887) pero consistía nos xogos acrobáticos propios das landas francesas (http://mapage.noos.fr/hubert.demory/corrida-1.htm). Todo isto fai verosímil que Matías López ou alguén do seu entorno fose o primeiro actuante da aparición das corridas de Sarria, inusuais na provincia de Lugo. Souto Blanco (MJSB:24) reproduce a foto dun tendido da praza de Sarria e un billete de entrada que di *Plaza de Toros de Sarria. Primera corrida del año 1910.* Isto parece indicar que había máis nese ano. Tamén di que Sarria acuñou o discutido título de *la Sevilla Gallega* e como impulsor dos touros nesta vila parece pensar máis na popularidade de Celita, nacido na veciña Láncara, que na acción, que en calquera caso debeu de ser decisiva, de Matías López .

[130] VG2: 7.03.2009.

[131] MJSB:114 di que Lugo chegou a ter unha praza estable no lugar chamado "Octógono de Manuel Becerra" e despois tívoas portátiles ou no Polvorín ou nas Costas do Parque.

[132] http://www.culturagalega.org/extra_interactivo.php?titulo=Unha%20vila,%20todas%20as%20vilas%20&id=15935&id_nova=7130. [25.09.2007]. Nesta disque tourearon dous mozos arzuáns: Luís Agra González e José Casas Pimentel.

[133] XLFG2, XLFG3, XLFG4, XLFG5, XLFG6, XLFG7.

[134] http://www.ganaderoslidia.com/webroot/fundamento%20cultural.htm [30.09.2009].

[135] http://www.slideshare.net/Mouriz/estudio-sobre-la-aficin-por-los-toros-en-espaa-presentation [17.02.2010].

Se o interese diminúe, medra, en cambio, o movemento de rexeitamento activo, explícito e público en ocasión das grandes corridas. Diversas cidades catalás véñense declarando dende 1989 libres de corridas [136] e o 18.12.2009 o Parlamento catalán aprobou debater un proxecto de lei que prohiba as corridas de touros en Cataluña [137]. Naturalmente isto non significaba que estivesen xa prohibidas senón que o Parlamento catalán, agora si, tería que debater [138]. Pero Canarias xa as prohibiu en 1991 [139]. O 3.3.2010 o Parlamento de Cataluña iniciou o debate e quixo escoitar persoas moi relevantes dos dous bandos, antes de que os grupos parlamentarios fixesen o seu propio debate. En xeral, uns falaron da inmoralidade de encontrar pracer na dor innecesaria de animais (touro e cabalos), do risco innecesario de vida do toureiro e de que o carácter de tradición non lle tira brutalidade e morbosidade ó espectáculo. Os defensores apelaron a que o touro vive toda a súa vida en inmellorables condicións (libre fronte a millóns doutros animais que viven amoreados en granxas); a que da pervivencia deste espectáculo depende un importante sector económico, que tería que desaparecer; e a que a tauromaquia é unha tradición española, con forte acompañamento literario, musical, pictórico, escultórico; e, finalmente, a que esta disputa en Cataluña ten unha intención política de marcar diferenzas co resto de España.

O 28.7.2010 o Parlamento de Cataluña prohibiu as corridas de touros por 68 votos contra 55 e a nova lei entrará en vigor en xaneiro de 2012. O voto non foi secreto e sábese que en diversos partidos houbo deputados que votaron diferente á maioría do seu partido. Pero o debate xa sobardara Cataluña e catro Comunidades Autónomas, Madrid, Murcia e Valencia e mais Navarra, xa iniciaron os trámites para declarar *Ben de Interese Cultural* as corridas de touros, tratando de blindar así este espectáculo contra unha posible extensión da marea antitaurina e abríndolle as portas a novas subvencións.

A marea internacional non é favorable ás corridas. A Liga Internacional dos Dereitos do Animal presentou en Bruxelas (26.01.1978) unha Declaración Universal dos Dereitos do Animal (DUDA), que asinaron personalidades do mundo filosófico, xurídico e científico e meses máis tarde (15.10.1978) proclamouse na casa da Unesco en París. En relación coa tauromaquia é relevante o artigo 3 da DUDA que di

> *1- Ningún animal debe ser sometido a malos tratamentos ou a actos crueis.*
> *2- Se o sacrificio dun animal é necesario, ten que ser instantáneo, indoloro e non xerador de angustia.*
> *3- O animal morto ten que ser tratado con decencia.*

Aínda que o valor xurídico deste documento é nulo, o certo é que vén inspirando cambios importantes na lexislación de numerosos países incluído o Parlamento Europeo [140].

Atribúeselle a Gandhi unha frase que resume un pensamento que se estende no mundo: *A grandeza dun pobo mídese pola forma en que trata os animais*.

11.10.6. A corrida, signo de españolidade

A Torre Eiffel simboliza París, o Big Ben simboliza Londres e o botafumeiro identifica Compostela. Esta concentración de capacidade simbólica nun obxecto é posible porque se trata de realidades que só existen nesas cidades. E a mercadotecnia busca ansiosamente esas realidades exclusivas.

---

[136] En Portugal disque o fixeron dúas cidades miñotas (Viana do Castelo e Braga) e dúas do centro (Cascais e Sintra).

[137] A ese acordo chegouse por unha iniciativa lexislativa popular que avalaban 180.000 sinaturas pero membros do PP, PSC e de Ciutadans presentaron enmendas á totalidade desta iniciativa popular. Que o tema é polémico demóstrao o feito de que houbo que facer votación secreta e que a iniciativa popular saíu adiante por 8 votos de diferenza (67 votos en contra da enmenda, 59 a favor e 5 abstencións).

[138] O Decreto Legislativo 2/2008 no seu art. 6 (que aprobaba o texto refundido da Lei de protección de animais) permitía as corridas en cidades con prazas xa construídas (sen deixar entrar menores de 14 anos) e os tradicionais *correbous*, se non se manca os animais.

[139] A proposta no Parlamento Canario disque foi dun deputado do PP. Naquela ocasión o que se pretendía era prohibir nas illas os espectaculos con morte de animais. Pensábase maiormente nas pelexas de galos e as apostas que xeraban. Este obxectivo non se acadou pero o Parlamento aproveitou para prohibi-las corridas de touros que, en calquera caso, nas illas xa non se celebraban dende había dez anos.

[140] O Parlamento Europeo o 12.10.2006 analizou unha proposta que pedía *que a Comunidade Europea acabase coas loitas de cans, touros e galos adoptando normas legais, nacionais ou comunitarias*. Por un acordo do Grupo Popular Europeo co Grupo Socialista Europeo acordouse por 412 votos a favor, 178 en contra e 15 abstencións, elimina-la palabra *touros* dese texto. En xullo de 2008 o mundo taurino español realizou ante o Parlamento Europeo unha exposición para poñer á vista a orixinalidade cultural e a realidade ecolóxica e económica da tauromaquia (http://www.ganaderoslidia.com/webroot/mesa_toro.htm). Na Internet ofrécese esta resposta do Gabinete da Presidencia do Goberno Español (22.10.2008) a unha petición privada de prohibición das corridas de touros: *la celebración de las corridas de toros es un asunto socialmente complejo, pues, como Usted sabe, tienen en España un profundo arraigo popular y una larga tradición. En estas condiciones, parece que una eventual prohibición de las corridas de toros entraría en contradicción con el sentimiento de amplios sectores de la sociedad española. Por otra parte, su desarrollo tiene lugar en toda España y en otros países del Mediterráneo y de América.* (Resposta da Presidencia do Goberno respañol a un particular [http://www.foro-ciudad.com/valladolid/tordesillas/mensaje-1323459.html 2.09.2009]).

A tauromaquia, sexan cales sexan as súas orixes, é hoxe unha realidade que internacionalmente se identifica con España.

Espectáculos taurinos en España [141]					
Ano	2001	2002	2006	2007	2008
Número de espectáculos	1.905	1.993	1.989	2.622	2.218

▸ FONTE: MIR2001,MIR2002,MIR2006,MIR2008 (este para 2007 e 2008).

Ningunha destas cifras se dá noutro país. E no ano 2006 lidáronse en España 6.424 touros e 5.034 becerros en 1.989 festexos taurinos [142].

As páxinas taurinas da internet falaban en 2007 de que en España había 6.997 profesionais da tauromaquia [143] e o Ministerio do Interior informa de que no 2008 eran 7.830 persoas dedicadas ó toureo, dende mozos de espadas a matadores de touros. Nótese que esa cifra supera a dos traballores da factoría Citroën en Vigo.

Con razón ou sen ela, os artistas plásticos foron conseguindo que a corrida, frecuentemente simplificada nun touro en movemento, se convertese en signo icónico de España. Por iso lle chaman *fiesta nacional* polo menos dende 1842. Pérez Galdós (BPG: 116-117) expresouno así:

> *En pro de los toros habla siempre el hecho indudable de que es la única originalidad profunda y castiza que conservamos. // En medio de este trabajo de nivelación general, cuando hemos asistido a la desaparición de nuestros trajes, de nuestras costumbres, cuando nuestra literatura misma no ofrece caracteres absolutos de españolismo, es imposible dejar de volver los ojos a una fiesta que por sus elementos y todas las circunstancias que en ellas concurren, no tiene semejanza en parte alguna. // Ni aun siquiera se ha dado el caso de que los extranjeros nos la copien e imiten como nosotros hemos imitado y copiado el sport inglés, las kermeses alemanas, tomando a los italianos la ópera y a los franceses mil cosas de la vida común. // Los toros son inimitables, incopiables e intraducibles. // De los Pirineos para allá no existen ni pueden existir, salvo contadas manifestaciones taurófilas del mediodía de Francia, que en rigor son caricaturas del verdadero toreo.*

A última frase desta cita, máis emotiva ca racional, pretende nega-la exclusividade para reforza-lo argumento; pero é interesante porque revela que hai símbolos que identifican sen seren exclusivos. Así, por Europa adiante a cuncha convexa da vieira identifica Santiago de Compostela, Santiago apóstolo e o Camiño de Santiago; e identíficaos aínda con máis eficacia có botafumeiro, a pesar de que vieiras hainas en máis sitios ca en Galicia; e botafumeiros, non. E aínda hai que engadir que a cuncha plana da vieira identifica a petroleira Shell.

Coas corridas de touros pasa igual. Son un elemento peculiar da cultura popular de España pero tamén o son do sur de Francia e, trala colonización, tamén dalgúns países hispanoamericanos [144]. Hai españois que as ven como un identificador étnico ou nacional (porque a corrida portuguesa e parte da francesa é diferente e porque os intentos de leva-la corrida española a países de cultura non hispana tiveron pouco éxito [145]); pero hai tamén outros españois que negan que un espectáculo que lles produce repugnancia poida simboliza-la España á que pertencen. O espectáculo é característico de España pero nin só de España nin de tódolos españois.

---

[141] Proceden das estatísticas do Ministerio del Interior (MIR) e para nós son os únicos datos fiables, xa que proceden das actas que teñen que redactar in situ as Forzas de Seguridade.

[142] Nótese que o número de reses de lida en España oscila, un ano con outro, entre 27.000 e 33.000. No 2008, último dato que coñecemos, era de 29.140 (http://www.mapa.es/estadistica/pags/anuario/2008/AE_2008_21.pdf [15.09.2009]); pero resaltamos que a estatística se refire especificamente a "terneros herrados".

[143] http://foros.elpais.com/lofiversion/index.php/t15801.html [8.09.2009].

[144] Onde máis prendeu a corrida foi en México e alí a primeira corrida foi en 1526 (BM2:50). Adóitase dicir que as hai tamén en Colombia, Ecuador e Perú e que non as hai en Chile, Arxentina, Uruguai e Paraguai.

[145] Periodicamente fanse intentos de leva-la corrida española a outros países pero, en xeral, o éxito non é moito, debido a que a sensibilidade ante o prolongado sufrimento do animal e mailo risco certo que corre o toureiro provocan rexeitamento. Lémbrese a decidida intervención do sarriano Matías López para levala a París en 1889 (que vimos en nota na epígrafe 11.10.4.) e tamén se intentou levala a Moscova en agosto de 2006: organizouna Lidia Artamonova, socióloga formada en Francia que tourea a cabalo ó estilo portugués. Para non ferir susceptibilidades, xa non ía ser española, é dicir, cruenta pero, aínda así, a reacción popular foi negativa e o alcalde de Moscova tivo que prohibila. O propio patriarca da Igrexa Ortodoxa Rusa, Alexis II, dixo que semellante espectáculo constitúe unha propaganda nociva da violencia e que é da mesma calaña cá pornografía: que os dous apelan ós instintos primarios do home, dos que non temos necesidade hoxe en día na nosa sociedade. *La corrida es un elemento de las culturas de España y Portugal. Pero fuera de ese contexto social el misterio desaparece y queda en el estómago el espectáculo de un animal atormentado. Instalar una plaza en Moscú no es llevar los aspectos de la cultura portuguesa a Rusia. Por el contrario, lo que estaría haciendo Rusia sería importar otro vicio violento de Occidente en la linea de los combates de perros o de las luchas sin normas* (http://www.portaltaurino.com/noticias/rusia.htm) [25.09.2007].

En España a distribución destes espectáculos por Comunidades Autónomas é moi desigual, segundo os datos que ofrece o Ministerio del Interior:

Total de espectáculos taurinos maiores en España [146]				
Comunidades Autónomas	**2007**	**%**	**2008**	**%**
Andalucía	624		405	
Castela e León	405		388	
Madrid	388		368	
Estremadura	149		154	
Valencia	132		103	
Murcia	101		57	
Castela A Mancha	89		73	
Aragón	64		75	
País Vasco	58		36	
Navarra	56		57	
A Rioxa	36		38	
Cataluña	18		16	
Cantabria	17		18	
Illas Baleares	8		6	
Galicia	**7**	**0,26%**	**8**	**0,36%**
Asturias	7		7	
Cidade de Melilla	1		1	
Total de España	**2.622**	**100**	**2.218**	**100**

▸ FONTE: MIR2008.

A estes festexos maiores hailles que sumar outros 1.077 festexos menores (que na terminoloxía oficial son "becerradas, corridas mixtas con rejones, novilladas sin picadores e parte seria del toreo cómico").

Asturias e Galicia, como se ve, están moi á marxe desta paixón taurina e, por parte, tampouco teñen ningunha Escola Taurina, que tampouco teñen Cantabria, A Rioxa, Navarra, Illas Baleares e a cidade de Melilla. En cambio, Andalucía ten 27; Castela-A Mancha e Estremadura teñen 7 cada unha.

A denominación *fiesta nacional* parece engadirlle unha coloración política tanto ó espectáculo coma a ausencia del e isto, que en parte é abusivo, xera novos temas de discusión. As simpatías e antipatías de intención política no 2009 fixéronse manifestas pero saen do noso ámbito de estudo. Pero a efectos de analizar en que medida a corrida española responde á cultura popular galega ou é un fenómeno importado por simpatía ou mimetismo, podería ter algunha significación o feito de que as tres cidades que destacaron ou destacan pola presenza de tauromaquia son, historicamente, Santiago; e nos últimos cen anos, Pontevedra e A Coruña; pero nas tres cadra que nalgún momento do verán estaban persoas moi relevantes da política española: en Compostela o Delegado Rexio co seu séquito o 25 de xullo; en Pontevedra o ministro e primeiro ministro Montero Ríos (1885-1905); e na Coruña, Francisco Franco (1939-1975) con tódolos seus ministros.

11.11. Algúns aspectos técnicos da corrida española

11.11.1. O toureiro: un heroe admirado

A desproporción física entre o toureiro e o touro é tan chamativa que, a primeira vista, o esperable é a vitoria do animal. E, aínda que iso nunca se exclúe, o balance de touros mortos e toureiros mortos demostra que o volume, a forza e os temibles cornos do boi son menos eficaces cá intelixencia do home. O toureiro coñece tan ben o animal, controla tan ben a situación, que, salvo erros, adoita vencer. Parte do truco está en que o boi, para o home, é previsible, mentres que o home, para o boi, élle imprevisible. A outra parte do truco está nunha audacia case temeraria.

[146] Inclúe, segundo a denominación oficial, *Corridas de rejones con toros, corridas de toros, festejo mixto, festival, novilladas con picadores, rejones con novillos*.

Como o toureiro vai sobrevivindo, esa habilidade e esa ousadía vanlle proporcionando un prestixio que se multiplica corrida tras corrida e ano tras ano. Xogando a vida á vista da xente, semana tras semana, e saíndo vitorioso dos sucesivos combates coa morte, o matador produce unha admiración intensa, porque é capaz de face-lo que a maioría non pode nin pensar: a pouca distancia, un boi bravo impresiona mesmo se está ben atado.

Moitos dos toureiros saíron de familias pobres e esta profesión volveunos ricos. Os toureiros de máis sona son a imaxe viva do triunfador, a versión española do *self-made man*.

Pero o matador corre ese risco de morte voluntariamente e como un honor. Isto crea o divismo: un toureiro en España é coma un tenor en Italia; moita xente admira os matadores, segue tódolos seus pasos e algúns homes e mulleres chegan a interesarse por eles dun xeito case fetichista; do toureiro acáballes interesando todo, mesmo a súa vida privada e íntima. Os medios de comunicación manexan con arte este asunto e amplifican o divismo, de xeito que, cada vez que o matador entra a tourear, a súa figura é psicoloxicamente máis grande e atractiva. Son os toureiros da prensa do corazón os que máis xente levan ás prazas.

O valor, que parece temerario, e o triunfo económico máis aló do esperable fan que en España se fale máis dos toureiros e das corridas ca do propio animal; e, por suposto, máis ca dos científicos.

11.11.2. O público: a fascinación da violencia e do risco

Se a batalla entre a intelixencia do home e o instinto do animal remata habitualmente coa vitoria do home, a posibilidade de que nesa festa se produza unha morte de home é real e engádelle ó espectáculo unha intriga estremecedora, que dura ata que cae morto o derradeiro animal. No cine ou no teatro a traxedia é sempre irreal ou, como moito, rememorada; en cambio nas corridas de touros a traxedia é real.

> *En la lidia todo es espontáneo, inseguro, enigmático. El "suspense" perdura durante todo el juego. Lo que dá tinte trágico a las corridas no es la posibilidad objetiva de que el drama llegue, sino la subjetiva sensación que el espectador experimenta de que el drama puede llegar* (BM1 1961:7).
>
> *El público sólo está contento conmigo cuando me ve camino de la enfermería* (Manolete) [147].

A contemplación da violencia fascina a moita xente, como se comproba no boxeo, loita libre, full-contact, artes marciais, pelexas de galos, de cans ou de animais heteroxéneos e na crecente presenza desa violencia nos noticiarios televisivos en xeral. A propia violencia que algunha vez se produce colateralmente en deportes coma o fútbol acaba tendo importancia equivalente ó xogo en si. Dos espectáculos violentos a tauromaquia é posiblemente o máis cruento e tamén o máis edulcorado, porque o ritual, a escenografía e o divismo do toureiro refinaron tanto o drama e conseguen poñer tanto o acento no home, que o público chega a non ve-lo sufrimento do animal. O touro é case coma o balón noutros deportes: unha cousa que o home manexa coa súa habilidade. O espectáculo é esa habilidade.

Pero aínda que o espectáculo se centra no toureiro, queda aberta a porta a maiores emocións, porque aquí o home corre un risco grave e real. Mentres nos deportes de risco os regulamentos introducen continuamente modificacións para protexeren a vida do deportista, o Regulamento taurino prohibe toda innovación (afeitado dos cornos [148], droga ou teledirección do boi) que poida mingua-la existencia de perigo real; e o público tamén considera unha fraude esas innovacións: *Es el cuerno quien hace la corrida de toros* – dicía Hemingway (BM2:99) [149]. Isabel a Católica ordenou embolar os touros e colocar cornos postizos enriba dos naturais pero lidadores e público querían touros de verdade (BM2:103).

A autenticidade da festa esixe o perigo real de morte do toureiro. Hai máis. Xa é vella, pero non moi coñecida, unha discusión entre os expertos sobre se o gandeiro e o veterinario, que coñecen o animal

---

[147] A afirmación garántea Tico Medina no seu libro *El día que mataron a Manolete*: *la cara oculta del mayor mito del toreo* (Almuzara, Córdoba 2009). A nosa referencia é HERRERA, Carlos (2009) "El día que mataron a Manolete" en *XLSemanal.* 27.09.2009; 14: este engade que a Manolete *se le exigía todo, se le protestaba casi todo, se le cambiaba la letra original del pasodoble que lleva su nombre, querían poco menos que beberle su sangre... aunque, al final, alguien dejó dicho aquello de 'teníamos hambre, pero teníamos a Manolete'*.

[148] O *afeitado* consiste en cortarlle uns centímetros á punta dos cornos e redondeala despois co que, aínda que parece que nada cambiou, a realidade é que o bovino perde parte da súa bravura (vólvese tímido e covarde), carece do sentido da proximidade e falla na precisión da cornada (BM2:102-110).

[149] *El toreo es algo más que un espectáculo artístico; sin la emoción que produce en el público la posibilidad de un peligro, la incógnita del destino, que define la fiesta, se trueca en una circunstancia cuyos resultados todos conocen; la tauromaquia se convierte en una mera exhibición, pero ha perdido el más particular y fundamental de sus estímulos: la autenticidad. Decía un matador de toros:*

dende que naceu, deberían facilitarlle ó toureiro unha ficha completa do temperamento e forma de embestir de cada animal. *De esta manera* – di Benito Madariaga - *aumentaría el aprovechamiento de la lidia, si no fuera porque precisamente se busca lo contrario: la incertidumbre, el peligro y la brega con un animal al cual no conocemos en sus reacciones* (BM2:273).

A morte é o centro real dun espectáculo paradoxalmente chamado *festa*. Todo o resto é envoltorio superficial: a liturxia multicolor, os ornamentos de que se revisten os toureiros, a música, mesmo o divismo dos toureiros, todo é insuficiente para agachar que o espectáculo consiste en ver sufrir e morrer outros seres vivos. A corrida española, convertendo en espectáculo a agonía de seis animais baixo tortura e a posible morte real dun home, debe satisfacer necesidades estrañas e primitivas doutros seres humanos, máis aló da súa cultura e da súa posición social. Quizais por iso aínda existe.

Nun matadoiro tamén se matan acotío moitos bovinos pero, como aí o regulamento esixe que a morte do animal sexa o máis rápida e indolora posible, iso non xera espectáculo e non ten interese para ninguén. Contempla-la violencia real nunha praza ou na televisión fascina a moita xente.

11.11.3. O boi: a corrida vista polo animal

Na sensibilidade actual a corrida española é un espectáculo polémico pero, en Galicia, ademais é un espectáculo de minorías. Para explica-lo feito de que entre nós non conseguise interesa-las masas téñense dado algunhas razóns. A máis frecuente é que Galicia ante os bois e as vacas ten outra sensibilidade: son animais moi familiares que, cando sofren, dan pena: exprésao ben o conto de Castelao *Manter un animal para comelo* en 10.4. Moitos galegos, vendo as corridas españolas, póñense da parte do boi. Isto é real, aínda que as orixes desta posición afectiva sexan económicas e culturais. Por iso pensamos que é ben que tratemos de ve-la corrida dende o que sería o punto de vista do animal.

11.11.3.1. Os puntos fracos do boi

O touro de lida pesa uns 500 kg [150]; ten de catro a seis anos de idade [151]; é musculoso, como animal criado en liberdade (BM2:65); pero, ó contrario da vaca do país, concentra a súa masa muscular no terzo dianteiro, porque os cornos son a súa única arma defensiva: lémbrese o dito en 11.2.: o boi non é depredador coma os felinos (e por iso non ten poutas senón dúas uñas romas); nin pode chanta-los dentes (mesmo carece de dentes superiores); tampouco come as súas vítimas (porque é herbívoro). Ora ben, a estrutura, a cantidade e o volume dos músculos que executan a cornada é tal que no Museo Taurino de Valencia consérvase un estribo de picador moi groso e de ferro atravesado por unha cornada (BM2:99). O perigo é real; moi real. Sábeno ben os cabalos e os picadores [152].

Pero a fortaleza do boi agacha moitos puntos fracos, que o home coñece, mentres que o boi non coñece os do home.

O boi concentra en poucos segundos toda a súa forza de ataque pero ataca sempre cara adiante (é dicir, é previsible) [153]; o seu propio peso, desproporcionado para as patas, fai que, correndo, axiña canse; o seu

---

'Hay que tener cuidado para que la corrida de toros no se convierta en corrida del público'. De ahí que el Reglamento vigente conceda gran importancia a las maniobras fraudulentas de que son objeto las astas de las reses (BM2:102-103). Con todo hai unha cautela: mentres as femias se lidan nunha pequena praza na propia devesa, está prohibido lida-los machos, porque a experiencia dos erros non a esquecerían e na praza de touros poderían non facerlle caso xa ó engano da capa e atacar directamente o toureiro.

[150] BM2:64; citando a Aparici falaba de 600-700. Pero hoxe o peso medio xa na praza é de 500 kg cunha perda media de peso no traslado dun 3,8%, segundo José R. Caballero de la Calle (http://www.uclm.es/profesorado/produccionanimal/Zafra05.pdf) [25.09.2007]. O peso mínimo esixido polo regulamento diminúe en proporción á categoría da praza: 460 kg nas de 1ª categoría, 435 nas de 2ª e 410 na de 3ª.

[151] Post mortem o veterinario debe comprobar que ten como mínimo os seis dentes permanentes completamente desenvolvidos (Regul. Art.74) (BM2:97).

[152] Pouco se fala de que ata 1927 as corridas supoñían a morte do bovino pero tamén o destripamento da maior parte dos cabalos. *No puede negarse que la suerte de varas ejecutada con el caballo a cuerpo limpio era de una crueldad que repelía incluso a aficionados curtidos en su contemplación. El espectáculo del caballo herido por el toro a mansalva era doloroso al par que repugnante. Escasos fueron los picadores que conseguían con su destreza sacar ilesa a su cabalgadura. En la mayor parte de las varas los cuernos hacían presa en el cuerpo del caballo, y en él saciaban su fiereza* (ADíaz). E, cando en 1912 se falou de construír unha praza de touros en Melilla, houbo protestas precisamente porque os árabes estiman moito o cabalo e resultáballes repugnante velo destripado (*La Vanguardia* 14.08.1912; 7; citando *El País*). Hoxe aínda hai cabalos que baixo o peto levan agachadas feridas importantes.

[153] Lémbrese o que escribía Sarmiento (11.8.).

campo de visión é moi limitado (como habemos ver) por cousa da miopía e da separación interocular; e, por se isto for pouco, o boi é sinxelo, é dicir, é doado irritalo e enganalo. Todo isto pono en franca inferioridade ante un home que é máis flexible, que ve mellor e que dispón dunha intelixencia que lle permite actuar de moi diferentes maneiras. É dicir, o home para o boi é imprevisible: isto facilítalle ó home xogar co animal nunha desigualdade de forzas máis aparente ca real.

11.11.3.2. Cando e como ataca o boi

O boi é un animal de campo aberto, poderoso no seu medio pero pacífico: as súas únicas defensas son cornear ou fuxir. O boi no campo –constata Álvaro Domecq – non embiste máis que cando anda fuxido, cando o maltratan ou cando lle cortan o paso. Déixase acariñar por quen coñece e ten unha memoria excelente pero vólvese un león na praza en canto o irritan, o molestan ou o firen (BM2:14). Todo isto sábeo o toureiro. Lembremos tamén que as prazas de touros hoxe son redondas porque, cando había currunchos, o boi tendía a meterse neles como actitude defensiva [154].

Dende o momento en que entran en contacto o toureiro e mailo boi, este, sen querer, estalle facilitando ó toureiro tódalas súas pautas de comportamento. Por iso os primeiros minutos da corrida son para que o matador vexa e comprobe con que corno ataca o boi e cal é a dirección da súa cornada para el poder organiza-la súa faena (BM2:101). Domingo Ortega di que mesmo a observación das orellas informa do que vai facer: cando as pega ó corpo, coma as lebres, é cando vai atacar. Arquea o rabo cando arranca, como di o refrán. Os pelos de punta, a sudoración e o tremor dalgunhas partes indican irritación. Pero, se brúa, é que ten medo; e tamén indica medo, en xeral o raña-lo chan co pezuño (BM2:253-255) ou salta-la barreira.

Parece que o boi arremete contra o que se move. Por iso o toureiro moverá a capa pero procurará manterse el inmóbil. E, cando o pilla o touro, queda inmóbil no chan, porque, se se mover, o touro seguirao escornando. Llópiz recolle esta paremia: *Do boi que recacha o rabo, ponte a salvo; si non podes liscar, bótate ó chan; fínxete morto e deixarate o touro* (VLLM:1,142).

11.11.3.3. Os problemas de visión no boi

A vista do touro orixina tres discusións: campo de visión, nitidez desa visión e reacción á cor vermella. Benito Madariaga expón con detalle técnico as características da visión do boi. En primeiro lugar, a posición lateral dos ollos no cráneo crea unha zona frontal na que o animal non ve nada: esa zona é un cono de tres metros (BM2:114-125). Ora ben, a mobilidade do pescozo permítelle xira-la cabeza a un lado e a outro e nese caso pode enfocar un obxecto próximo pero só cun ollo, co que debe de ter dificultades para calcula-las distancias. Isto crea unha zona próxima na que a visión do animal é deficiente que os toureiros saben aproveitar con renartería e audacia; quizais a iso se debe o sistema portugués de forcados, ou toureiros en fileira.

A segunda cuestión é a da miopía conxénita do boi. Os especialistas discuten o grao de miopía do boi pero non o feito que algúns deles cifran no 70% (EK:1035). En calquera caso, a axitación, a irritación e a anguria que acumula o animal coa agresión continua e as hemorraxias crecentes prodúcenlle unha fulgurante perda de ton muscular que tamén afecta ós músculos ópticos, de xeito que ó boi várreselle a vista, ve moi borrosamente, diminúelle a capacidade de visión próxima, co que se unen miopía e hipermetropía. Nestas circunstancias o animal tense que valer co oído e co olfacto (BM2:122-124).

A terceira cuestión é a da eritrofobia ou capacidade da cor vermella para irrita-lo boi, e a do azul para calmalo. É unha convicción moi estendida que explicaría, por unha banda, que a capa dos toureiros sexa vermella e que o traxe do toureiro con frecuencia sexa de fondo azul e, por outra, que a Sociedade Protectora de Animais lle impuxese a Manolo Bienvenida o uso dunha capa verde, para evitar irritar e facer sufri-lo animal, cando en 1928 o deixaron tourear no Madison Square Garden. Pero hoxe os especialistas parecen cadrar conformes en que a visión do bovino practicamente é incapaz de distinguir cores e que se aproxima moito á visión en branco e negro. De feito, a cor vermella das capas é recente, porque en tempos oscilaba entre o gris e mailo negro pasando polo verde escuro (BM2:125-129).

A vista do boi non é o seu forte; co proceso da lida aínda mingua. Por esa razón ten que agudiza-lo oído e o olfacto e valerse con eles.

[154] Prescindimos de dar veracidade a rumores que por veces se oen de que que ós bois lles botan trementina nas uñas para impedirlles que estean quietos e vaselina nos ollos para que aínda vexan menos ou que lle poñen algo de estopa nas ventas para lles dificulta-la respiración.

11.11.3.4. ¿Que sente o boi cando entra na praza?

O volume, os cornos e as primeiras carreiras do boi impresionan polo seu aparente aire de poder e triunfo pero o verdadeiro estado de ánimo do animal parece outro. Temos que lembrar que, sendo un animal criado en liberdade, sempre viviu en campo aberto e silencioso e que acaba de ser traído á forza a lugares urbanizados e ruidosos. O transporte para el foi unha emigración desconcertante e incómoda. Está fóra do seu territorio e da manda da que el era compañeiro e xefe e iso fai que se sinta só, vencido e inquieto. Xa deu síntomas inequívocos: perdeu peso (un 3,8% de media) e tivo diarrea. Entrando agora nunha praza de touros é un ser que xa foi calculadamente humillado. Saíndo á area, experimenta novas sensacións estrañas: a praza impídelle ve-lo horizonte, vese encerrado entre milleiros de persoas que fan ruídos para el descoñecidos; a propia música é para el algo nunca percibido. O animal na praza ten medo. Séntese acurralado fronte a homes que o acosan. De haber un curruncho, meteríase nel e se houbese unha porta aberta, fuxiría por ela como fai en Pamplona no San Fermín, se ninguén llo impide.

11.11.3.5. Unha morte lenta, dolorosa e humillante

Do boi bravo hai que dicir algo que pode resultar paradoxal: coma moitos outros animais, dentro da grea, convive pacificamente; pero afastado da grea por vello ou por vencido, resulta moi perigoso. Como xa se dixo, só ataca para defenderse do que el sente como unha provocación. A bravura do touro de lida é algo especial que se foi conseguindo mediante unha selección xenética realizada en España maiormente durante os séculos XIX e XX (FFRO:25-26) potenciando por educación, selección e herdanza esa capacidade de reacción dos bois a un estímulo.

¿Que é, logo, a bravura? Xa vimos que para o P. Sarmiento era o resultado dun tipo de cría: *La ferocidad de los toros, no viene de la mucha leche que han mamado, sino de que se han criado en los montes, como salvajes* (11.8. n. 6865). Para o veterinario Madariaga a bravura é unha mistura de cólera e medo (BM2:252). O boi na praza, afastado dos seus conxéneres, amosará a súa agresividade. O touro de lida, como tamén dixo Sanz Egaña, é un animal preparado exclusivamente para un espectáculo de quince ou vinte minutos (BM2:265).

Eses quince minutos de agresións calculadas, insistentes e cruentas producenlle ó animal un número de hemorraxias cada vez máis numerosas e máis abundantes; perde ton muscular para moverse e mesmo para ver, como xa dixemos. O animal vese incapaz de comprender nada do que pasa e de afrontalo. O toureiro Paquirri dicía que a relación do toureiro co touro chega a ser tan intensa que el moitas veces tiña a sensación de que lle falaba cos ollos e que algún lle preguntaba *¿Pero por que me tienes que matar?* [155].

Que o animal sofre moito na corrida compróbase polo feito de que unha parte importante dos que foron indultados e que se devolveron vivos ó curral morreron nos primeiros días, semanas ou meses e, en calquera caso, precisaron moito tempo e atencións especiais para se recuperaren das lesións provocadas polas chamadas *suertes* iniciais [156].

A isto pódeselle suma-la lentitude da agonía: cando o toureiro coa estocada non pica a vea cava senón o pulmón, produce unha hemorraxia interna lenta e ten que repeti-la estocada (BM2:271). Os movementos a dereita e esquerda que coa capa lle fan facer nos últimos segundos, provocan rachaduras e derrames internos por ter xa espetada unha espada de dobre gume. Todo isto explica que, cando finalmente morre, a carne presenta alteracións anatómicas e bioquímicas, é febril, de color vermella escura, con exudación e, por veces, con olor a acetona; en moitos casos hai enfisema pulmonar, ganglios hemorráxicos, riles con nefrite glomérulo-epitelial; conxestión nos pulmóns, no fígado, no cerebro e na medula ósea.

---

[155] O dato deuno o seu irmán nunha entrevista concedida a Tele5 o mércores 23.09.2009. Cae fóra dos obxectivos desta monografía valorar esta afirmación.

[156] "*En la lidia, el toro padece no solamente un fuerte insulto psíquico, sino que el espectáculo significa también en sí el origen de una serie de traumas de mayor o menor intensidad. Téngase presente que algunos toros indultados de la última suerte necesitaron un largo período de tiempo y atenciones especiales para recuperarse de las lesiones que les produjeron las suertes iniciales*" (BM2:258). O indulto disque é o "máximo recoñecemento" a un animal que reúne óptimas características zootécnicas e que demostrou un "excelente comportamento" en tódalas fases da lida, maiormente na sorte de varas. Tralo indulto, a res devólvese á gandería de orixe para curalo e dedicalo a semental. Pero os dous buratos que lle abren as insistentes picadas coas varas e mailos seis arpóns que lle espetan (sumados á humillación psicolóxica) provocan xa tan graves feridas, que as primeiras 72 horas son críticas e aínda lle hai que suma-lo longo traslado por estrada: isto explica que en poucos días ou semanas morre o 60% dos animais indultados; os que sobreviven perden o medo e a agresividade contra o home. En Pontevedra indultaron un touro no 2003 (*Fígaro*, da caste Alcurrucén) e morreu das feridas ó pouco tempo; no 2009 indultaron outro (*Turco*, de Torrealta, Medina Sidonia). En España indultáronse no 2007 24 touros e 13 becerros (http://blancoyoro.blogspot.com/2008/03/toros-indultados-en-espaa-en-2007.html [9.09.2009]).

A carne do boi lidado é a carne dun animal que sufriu moito para morrer e, aínda que non é prexudicial para a saúde humana, é unha carne de inferior calidade e impropia, por exemplo, para a chacinería e a conserva [157]. As corridas non son matar para comer. Álvaro Domecq dío con estas palabras: *Los saltos sobre el testuz y los recortes vienen después de las flechas y los hachazos prehistóricos. En el comienzo no fue un juego, sino una simple lucha en aquel cuerpo a cuerpo elemental y primario* (BM2:12).

O boi é un ser vivo, que respira o mesmo aire cós matadores e o público, pero que está asustado polo sitio, o barullo e o maltrato, que non comprende qué fixo para que o traten así, que todo o tempo se está defendendo dos que o agreden, que busca fuxir brincando fóra ou buscando a porta. Estamos seguros de que, se for un ser humano, pediría cambiarse por calquera dos que miran; pero ninguén se cambiará por el.

11.11.3.6. A lexislación española

A Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en catividade di no seu artículo 5:

> *1. Se prohíbe la utilización de animales en espectáculos peleas, fiestas populares y otras actividades si ello puede ocasionarles daños, sufrimientos o hacerlos objeto de tratamiento antinatural. Excepcionalmente, la Consejería de Agricultura, Ganadería y Montes podrá autorizar espectáculos consuetudinarios en los que intervengan animales.*
>
> *2. Quedan excluidos del ámbito de aplicación de esta Ley la fiesta de los toros, encierros y demás espectáculos taurinos.*
>
> *3. Sin perjuicio de lo dispuesto en el punto 1, la Consejería de Agricultura, Ganadería y Montes podrá autorizar, bajo el control de la respectiva federación, la celebración de competiciones de tiro de pichón.*

Non é un traballo de etnolingüística o lugar de valorar ou adxectivar esta lexislación. Pero si de dicir que esta lexislación é a que prohibe a incruenta competencia entre bois (na chega de bois en Muíños).

11.12. Galicia, a excepción española

Por todo o visto ata aquí, maiormente na epígrafe 11.10.6., vemos que Galicia con Asturias forma a excepción na que podiamos chamar Península tauromáquica; a nosa gandería galega non está orientada á tauromaquia. Díxoo xa con nitidez o P. Sarmiento no século XVIII

> *el ganado bacuno en Galicia (y en donde se travaja con bueyes, y no ay la barbarie de la fiesta tragica de toros) siempre es compañero del labrador en el travajo. No solo compañero, y socio; sino tambien amigo, y agradecido* (FMS4: 6867).

É hora xa de que analicémo-lo que a lingua galega creou para falar da tauromaquia.

11.12.1. Cativeza do léxico, fraseoloxía e tradición oral taurina galega

O material etnolingüístico que a lingua galega creou para falar da tauromaquia é o seguinte:

13663 **achega** *s.f.* Ver LOUTA DOS BOIS /13668. *Achega*: "En el antiguo *Coto Misto* y lugares vecinos (A Boullosa, Rubiás, Guntumil, Randín...) *achega* 'lidia entre dos toros para ver cual queda triunfante'. Deporte portugués". Debemos recordar que na raia portuguesa houbo un conxunto de lugares que formaban unha xurisdición que dependía simultaneamente de España e de Portugal (Couto Mixto) no que os seus habitantes gozaban dunha amplia autonomía que aproveitaron para a ramboia. É sabido que esta zona desapareceu por acordo diplomático entre España e Portugal renunciando Portugal á súa autoridade sobre este Couto pero quedando de exclusivo dominio portugués

[157] "*La carne de reses lidiadas ofrece, desde el punto de vista bromatológico, una serie de alteraciones anatómicas e incluso bioquímicas, que hacen de este producto un alimento de inferior calidad a la normal, si bien innocuo para el consumidor. El dictamen técnico las califica de carnes fatigadas y sanguinolentas que, incluso en ocasiones, resultan febriles. El animal soporta durante el espectáculo una serie de agresiones que repercuten indudablemente sobre el músculo. La carne toma un color rojo oscuro con exudación y olor algunas veces a acetona [...] Abad Boyra cita los resultados bacteriológicos obtenidos por el Dr. Elvira con porciones musculares de reses lidiadas. Estos trabajos demostraron que la carne se hallaba libre de gérmenes patógenos que pudieran hacerla perjudicial para la salud humana. Sin embargo, resultaban impropias para la industria chacinera o de la conserva. Con todo hay que reconocer que la carne de toro de lidia es nutritiva, innocua y también más barata que la carne normal de abasto*" (BM2:235-236).

outras zonas con estatuto consuetudinario semellante. Cfr. *Gran Enciclopedia Gallega*, s.v. *Coto Mixto*. (Boullo., Randín, Requi., Rubiás).

13664 **achegamento dos bois** *s.comp.m.* Ver ACHEGA /13663. O xornal dá a noticia desta proba en Muíños, dentro do programa local da *Festa das Sopas do burro canso*. (VG2:20.08.1991).

13665 **chega de bois** *s.comp.f. Ú. m. en pl.* Ver ACHEGA /13663. (Raiaseca).

13666 **lía de touros** *s.comp.f.* Corrida de touros á moda española... *libre unha batalla contra as lias de touros en Galicia, donde por desgracia us cantos tiveron a malfadada idea d'as fomentar, cando en España encomenzaban a decaer y'eran a ignominia d'ista nación ós ollos d'Europa.* (LP-TMP).

13668 **louta dos bois** *s.comp.f.* Loita que se celebraba nas aldeas de preto de Loureses entre bois preparados para iso. *Nas aldeas de preto de Loureses existe a 'louta dos bois'; cada aldea ten un boi e prepárao para o día da loita, a comenzos de maio. Ese día a xente de cada casa están xuntos. Os bois comenzan a loitar, a xente berra. Hai xente que vén de lonxe. É unha festa, unha especie de desorde. Serve para reforza-la cohesión da aldea, a xente séntese unida en torno ó seu boi e, ó mesmo tempo, é a ocasión de encontros coa xente doutras aldeas. Os bois que loitan son sempre de aldeas de diferentes parroquias. Este feito ten relación coas peleas dos mozos: os grupos que pelexan son tamén de diferentes parroquias. Os enfrentamentos, pois, teñen lugar entre dúas parroquias diferentes*. (Loures.:98).

13669 **tourada 2** *s.f.* Lida de touros. (ERG).

13670 **touros** *s.m.pl.* Corrida de touros. (ERG).

13671 **boi bravo 2** *s.comp.m.* Touro de lida. (ERG).

13672 **corrida de touros** *s.comp.f.* Espectáculo público no que se lidan touros bravos. Outro ano fixérase unha 'corrida de touros'. Había mozos que foran ó servicio e viran algunhas. E fixérona con todas as da lei: capeadores, banderilleiros, espadas e mozos sabios (GB2:29). (ERG, GB2).

13673 **capear** *v.* Ver TOUREAR 1 /13675. (ERG).

13674 **tanear** *v.* Ver TOUREAR 1 /13675. (Piquín).

13675 **tourear 1** *v.* Burla-lo touro axudándose do capote, da muleta ou doutros instrumentos segundo as regras da tauromaquia. (DRAG2, JMP).

13676 **bandarilleiro** *s.m.* Toureiro que lle pon as bandarillas ó animal nas corridas. (ERG).

13677 **lidador** *s.m.* Toureiro. (ERG).

13678 **toureiro** *s.m.* Persoa que ten a profesión de correr touros ó estilo español. (Común).

13679 ***toreiro** *s.m.* Ver TOUREIRO /13678. *Hay un toreiro en Ourense/ que lle chaman ó 'Gordito'/ von espada, non negalo,/ podo muy alto decilo*. (MdP2:167).

13680 **toural 2** *s.m.* Sitio destinado a correr touros. (ERG).

13681 **bandarilla** *s.f.* Pau adornado que leva na punta un ferrete e que os bandarilleiros cravan no animal nas corridas. (ERG).

13682 **collida 1** *s.f.* Acción de colle-lo touro ó toureiro. (ERG).

13683 **cornada 3** *s.f.* Ferida feita polo corno dun animal. (ERG).

13684 **cornazo 2** *s.m.* Cornada grave. (ERG).

13685 **bandarillar** *v.* Poñerlle bandarillas ós touros nas corridas. (ERG).

13686 **terse co touro** *loc. v.* Enfrentarse co touro para mantelo a raia. (Arzúa).

A isto poderíase engadirse *pilla-lo touro a alguén* que aparece usado no título *¡Que non nos pille o touro!* nun titular dun artigo de Ramón Mª Lois Santos [158], secretario do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia axeitando ó galego o eslógan da campaña da Televisión Dixital Terrestre que para toda España tiña a icona dun touro que arrastra no rabo unha antena de TV e o lema *Pásate a la TDT* e todo envolto na recomendacion *¡Que no te pille el toro!* O significado desta fórmula é recomendar face-las cousas en tempo para non chegar tarde e sen remedio (neste caso, á desaparición definitiva da televisión analóxica). Non hai constancia escrita do seu uso en galego antes desta campaña publicitaria; pero, aínda sendo este un uso individual e inducido pola publicidade feita en castelán para toda España, a 12.06.2009 presentaba 3 ocorrencias en Google (case todas de políticos) que a 3.09.2009 eran xa 345. Pasada esta intensa campaña publicitaria, que durou un ano, as referencias que deste calco ofrecía Google en galego a 1.10.2010 xa baixaron a 155. É posible que a presión mediática sexa insuficiente para aclimatar esa locución taurina na lingua dun pobo para o que a tauromaquia ten tan pouca presenza.

[158] LOIS SANTOS, Ramón Mª (2009): "¡Que non nos pille o touro" n'*A Nosa Rede.* Colexio Oficial de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia.



Pra tourear e pra casarse, hai que arrimarse (Siro).

Do boi que recacha o rabo, ponte a salvo; si non podes liscar, bótate ó chan; fínxete morto e deixarate o touro. (VLLM:1,142)
Gárdate de volta do boi bravo. (VLLM:1,142) [159]
Pra tourear e pra casarse, hai que arrimarse. (DXC:43; ZM:197)
Unha vella no tempo dos mouros fixo do cu unha praza de touros. (XMSM:28; XSL:59; ZM:242)
Unha vella nos tempos dos mouros fixo da cona unha plaza de touros. ¡Tralaralaralara! (Marín5)

Día de Corpos á tarde
fun ve-los touros ó Curro;
don Bernaldiño Varela
acenoume desde o muro. [160]

En unha granxa de porcas
que hai un establo de vacas
ten dous noveliños bos
para que toureen as rapazas. [161]

Hai unha mociña en Grou
con tanto garbo e salero
que cando vai paseando
casque parez un torero. [162]

No medio e medio do mar
un barco se balancea,
un touro bravo se amansa
e un amor firme falsea. [163]

Pasei unha plaza de touros,
paseina nunha carreira;
tirei un tiro a unha lebre,
matei unha costureira. [164]

Unha vella de tempos moros
fíxose dela unha plaza de toros.
¡Ai! chínguele, chínguele, chínguele,
¡Ai! chínguele, chínguele, ¡ai!
Unha vella enriba do muro
trémenlle os pés como un figo maduro.
¡Ai! chínguele, chínguele, chínguele,
¡Ai! chínguele, chínguele, ¡ai! [165]

Unha vella no tempo dos mouros
fixo do cu unha praza de touros.
E, se o fixo, fíxoo ben,
no cu da vella non manda ninguén. [166]

Unha vella
no tempo dos mouros
fixo dunha pucha
unha campa de touros. [167]

Isto é todo o que demos encontrado para falar de tauromaquia en galego: 23 palabras ou locucións, 4 paremias e 8 cantigas [168]. O léxico é pouco e, como se ve, boa parte del é calco do castelán. As paremias, igual. Boa parte das cantigas son indirectas e non se pode dicir que exista un repertorio que cante encomiasticamente unha corrida, un touro, un lance ou un toureiro. Non demos encontrado un conto tradicional.

Se reparamos na localización deste material, vemos que, fronte á dispersión habitual das fontes nos outros temas (que revela a extensión do uso), aquí a maior parte das entradas léxicas proceden dunha única fonte, e esa fonte é ERG, o dicionario de Eladio Rodríguez González que tiña a vontade de ofrecer (e, se for necesario, crear) equivalencias galegas para tódalas palabras de uso en castelán: quere dicir que parte do léxico que ofrece neste asunto é un calco semántico do castelán.

O volume deste libro ofrece unha evidencia palpable de que calquera outro tema (tanto que sexa unha parte do corpo do animal, como unha doenza ou unha acción do gandeiro) produciu moito máis material en galego cá tauromaquia. Bótase incluso man do castelán para dicir *torero,* como xa vimos na cantiga *Hai*

[159] Llópiz recólleo de P. Dopico, gandeiro de Arteixo.
[160] DBP:2483. No texto: *vé-los, desd'o*.
[161] SCHU1/2/276bis. No texto: *qu'hai, tén.*
[162] LimiaB:87.
[163] Lama2:151.
[164] XAB2:50. No texto: *Paséi, tiréi, matéi*.
[165] Coto2:103.
[166] Chan2. Cur.:259: *moros, cú, plaza de toros, fixo ben, que no cú, ninguién*. Como xa vimos, XMSM e XSL dan como refrán só os dous primeiros versos.
[167] RCI:190.
[168] Cabería engadir, pero non como texto etnolingüístico, uns versos do P. Sarmiento referidos ós touros en Madrid: *E mais tamen dixo / o meu zapateiro / que na quinta feira, / por fin dos festejos, / que o Rey ja mandara / polo seu degredo, /ouvesse corrida / de touros mui feros / na Praza Mayore, / e querian vêlos / os reis no balcon / sentados e quedos* (FMS5:148,1023-1025).

unha mociña en Grou. E obsérvese que, aínda que poucas, nas vilas e cidades galegas houbo algunha vez corridas; pero non deixaron unha pegada notable na lingua galega: ese é o dato.

Este dato etnolingüístico contrasta claramente co que acontece en portugués e, sobre todo, en castelán: nesas linguas a tauromaquia produciu léxico e fraseoloxía tan abundante, que impregna a fala común. Moitas realidades exprésanse en castelán con metáforas e símiles taurinos. Dous estudosos do tema afirman que:

> *Independientemente de su actitud individual ante la fiesta nacional, ningún español puede sustraerse a la influencia de los toros sobre su propio lenguaje. El uso diario de los españoles muestra que estos utilizan una gran cantidad de expresiones y frases que son metáforas extraídas del mundo de los toros* (LD-MP 1998: 49).

Ben, pois o certo é que na lingua galega non acontece iso. E a esta asimetría galego-castelán podemos engadir algún feito máis: no propio castelán falado en Galicia é inusual a maior parte dese léxico e fraseoloxía castelá tauromáquica que citan os expertos; só unha pequena parte se usa e, moitas veces, sen conciencia de que esa palabra ou esa frase aludan á tauromaquia; a connotación taurina non funciona na maior parte dos galegos cando falan o castelán [169].

Se unha lingua é un indicador da sensibilidade dos falantes, a cativeza deste material é significativa e por coherencia este dato deberá ser coherente con outros doutros ámbitos. Vexámolos.

11.12.2. Galicia, potencia gandeira, non cría gando de lida

As provincias produtoras de touros de lida son Albacete, Ciudad Real, Madrid, Toledo, Segovia, Ávila, Valladolid, Salamanca, Zamora; tamén se cría en Aragón e Navarra (BM2:47). Galicia, potencia gandeira, non cría este tipo de boi. A este feito haille que engadir que o toureo é un feito urbano e vilego, alleo ó mundo rural, hábitat natural do noso gando bovino [170].

¿Porque Galicia non cría gando de lida? Tense dito que, como falta a afección ó toureo, non hai criadores de bois bravos; non habendo demanda, non se pon en marcha a maquinaria de selección xenética para consegui-los bois bravos, nin se dedican os medios económicos nin as terras necesarias. Pero esta resposta limítase a afirmar, con outras palabras, o que pretende explicar e, en consecuencia, non explica nada; é tautolóxica. A resposta ten que ter en conta un feito esencial: se Galicia é unha potencia gandeira e non ten touros bravos, é porque non os quere ter. E, se non os quere ter, é porque as corridas responden a unha perspectiva gandeira diferente da galega.

A primeira razón é que a humanización do territorio (dispersión da poboación e minifundio), característica da agricultura galega, impide dispoñer das dimensións de prado que precisa a cría de bois bravos: só se poderían criar nas serras, que son latifundios en man común, pero, aínda así, os bois bravos xerarían problemas [171].

A segunda razón é que, mentres Castela e Andalucía sempre utilizaron bestas para o carrexo (*cavallus de mauris, mulus de Hispali*, 11.8: 6858) e reservaron e prepararon o touro de lida exclusivamente para un espectáculo de quince ou vinte minutos, Galicia sempre lles asignou ós bovinos machos outras funcións: á maioría, o carrexo; e a unha minoría residual, a reprodución.

---

[169] Da lista que ofrecen LD-MP un castelán falante de Valladolid afirma que non as oíu todas pero que recoñece como usuais en Castela estas que no castelán de Galicia son inusuais: *caerse del cartel, dar un revolcón, de buenos pitones, entrar a matar, hacer algo a toro pasado, llegar al último toro, los trastos de matar, nuevo en esta plaza, ponerse el mundo por montera, tener más dinero que un torero, tener vergüenza torera, lanzarse al ruedo, ¡Al toro, que es una mona! Desde la barrera bien torea cualquiera. ¡Suerte y al toro!* Tamén lle son persoalmente usuais estoutras, que no castelán de Galicia, si, son usuais: *entrar al trapo, cambiar de tercio, coger el toro por los cuernos, dar la puntilla, darle a uno la alternativa, echar un capote, escurrir el bulto, saltarse una cosa a la torera, ver los toros desde la barrera, Para torear y para casarse hay que arrimarse.* Pero en Galicia nunca pensariamos que tivesen algo que ver cos touros: *andar boyante, brindar (un toro) al sol* [máis ben na forma *brindis al sol*]*, capear el temporal, dar juego, dar la vara, dar largas, estar al quite, estar en capilla, estar hasta la bandera, estar para el arrastre, hacer una faena, liar los bártulos, mano a mano, parar los pies, pasar por alto, rematar la faena, salir por la puerta grande, salir por pies, tener mano izquierda, ¡Menudo embolado!* En Galicia teñen outra forma *estar fuera de cacho (mexar fóra do cacho); haberle visto las orejas al toro* (en Galicia dise *al lobo); pinchar en hueso (dar en óso).* En calquera caso, a maior parte da lista de LD-MP, como dixemos, é descoñecida no castelán falado en Galicia.

[170] Coñecemos algunhas excepcións: as capeas que se deron nas aldeas de Zacande (concello de Meis), O Pelete (A Lama) e Campañó (Pontevedra) e no 2002 preparouse unha en Monterroso da que non temos constancia. De vilas que son centro gandeiro temos que citar Negreira (corridas esporádicas) e sobre todo Sarria (o 5º concello en número de reses: 15.305 no ano 2006).

[171] Estímase que as hectáreas dedicadas en España á cría do touro de lida son 540.000. Compárese cos datos do monte galego: 2.000.000 ha (66% do territorio), das que 1.400.000 (68%) son de particulares; 600.000 (30%) son montes veciñais en Man Común e 40.000 (2%) son das administracións.

A terceira razón é que a gandería galega ten unha perspectiva diferente. O gandeiro é tamén agricultor e as dúas actividades son inseparables e complementarias pero son, en cambio, incompatibles coa cría incontrolada de bois enteiros. E, como estes son un excedente incómodo, a tradición galega é deixar ir ata a súa condición de adultos só os indispensables para a fecundación das femias, capa-los que se necesiten para o carrexo (actualmente inexistente) e sacrifica-la maioría no momento de máxima produtividade para a alimentación humana.

Na economía galega a función dos bovinos é producir carne e leite; pero tamén esterco, coiro e, ata a mecanización do campo, forza de tracción no carro, na grade, no arado e na sementadora. Só a vaca cobre esas catro funcións e por iso é a vaca, e non o boi, animal totémico en Galicia. Máis aínda, o boi enteiro é case invisible. Visibles eran os bois capados, forza de tracción para grandes pesos: a parella de bois era o sinal exterior da solvencia da empresa familiar, como hoxe o é un tractor potente. Do macho en Galicia non se apreza a bravura senón a forza, a forza controlada. Simbolicamente foron bois, espontaneamente amansados, os que levaron o corpo de Santiago ata Compostela. E hoxe son bois mansos os que levan en procesión a Virxe da Franqueira.

Por todo iso Galicia, posiblemente a zona máis gandeira da Península Ibérica, non cría gando de lida. Sarmiento, coma sempre, dío da maneira máis radical: *en Galicia, ni ay toradas, ni grandes bacadas, ni toros para matar hombres* (11.8: 6867).

11.12.3. Escaseza de prazas de touros e de corridas en Galicia

España, Portugal e o sur de Francia teñen a maior parte das prazas de touros permanentes: en Francia chámanlles *arènes,* palabra que mantén o nome latino de *arena* con que os antigos romanos denominaban a escena dos anfiteatros nos que se desenvolvían os espectáculos violentos de gladiadores e de animais. A estrutura dunha praza de touros actual é basicamente a mesma cá dun anfiteatro romano.

A maior parte das prazas de touros está en España. A información que facilita http://www.portaltaurino.com asegura que só en Andalucía hai 166 localidades [172] con corridas notables. A mesma fonte di que no sur de Francia hai touros, polo menos, en 33 localidades [173]; e que en Portugal, hai 26 prazas [174]. O espectáculo pasou a América onde se citan 36 prazas en México [175]; 15 en Colombia, [176]; 10 en Venezuela [177]; 9 en Perú [178]; 8 en Ecuador [179]. A información oficial pode verse en http://www.mir.es/SGACAVT/juegosyespec/toros/plazas/

Pero en España as diferenzas son importantes. Como xa vimos, só en Andalucía cítanse 166 lugares con corridas notables e só Jaén tivo 289 espectáculos taurinos no ano 2006. En Galicia, en cambio, só hai dúas prazas de touros estables: a de Pontevedra (inaugurada en madeira en 1892 e reconstruída en pedra en 1990 [180]) e a da Coruña (substituída polo Coliseum multiusos en 1991, que veu reactivar uns espectáculos que xa non se acordaban na cidade dende había 25 anos [181]). Como diximos en 11.10.4. houbo unha en Vilagarcía ata mediados do século pasado. A estas hai que suma-las provisionais que se arman case tódolos anos en Noia, en Padrón, en

[172] Datos de 22/09/2009: Almería 13; Cádiz 25; Córdoba 20; Granada 14; Huelva 28; Jaén 25; Málaga 18; Sevilla 23 (dato que xa advirte que é incompleto e nunha versión anterior ese dato era 30).

[173] Alès, Arles, Bayonne, Becaurie, Beziers, Brocas-les-Forges, Captieux, Ceret, Dax, Eauze, Floirac, Fourques, Fréjus, Gimont, Grau du Roi, Hagetmau, La Gironda, Lunel, Magescq, Mejanes, Mont de Marsant, Nîmes, Palavas, Rion des Landes, Saint Guilles, Saint Martin de Crau, Saint-Sever, Saint-Vicent, Saintes Maries de la Mer, Soustons, Touluse, Vèrgueze, Vic-Fezensac.

[174] Albufeira, Alcochete, Aldeia da Ponte, Arruda dos Vinhos, Évora, Figueira da Foz, Guarda, Guimarães, Lisboa, Monforte, Montemor o Novo, Moura, Nazaré, Olhão, Portalegre, Porto, Povoa de Varzim, Redondos, Salvaterra de Magos, Santa Eulalia, Santarem, Setúbal, Terrugem, Tomar, Viana do Castelo, Vila Franca.

[175] Acapulco, Aguascalientes, Apizaco, Autlán de la Grana, Cancún, Chihuahua, Ciudad Juárez, Guadalajara, Irapuato, Jerez, León, Matamoros, Mazatlan, Mérida, Mexicali, México DF, Monterrey, Morelia, Nuevo Laredo, Puebla, Orizaba, Queretaro, Reynosa, San Luis Potosí, San Luís Río Colorado, San Miguel el Alto, San Miguel de Allende, Sayula, Tapachula, Tecamac, Teocaltiche, Texcoco, Tijuana, Torreón, Yahualica, Zacatecas.

[176] Armenia, Bogotá, Cali, Bucaramanga, Cartagena, Cúcuta, Florencia, Funza, Honda, Ibagué, Manizales, Medellín, Pamplona, Popayán, Sogamoso.

[177] Barcelona, Barquisimeto, La Victoria, Maracaibo, Maracay, Mérida, San Cristóbal-Tachira, Tovar, Valencia, Valle de Pascua.

[178] Lima, Chota, Cutervo, Guadalupe, Huancayo, Puquío, Sicaya, Trujillo, La Unión.

[179] Quito, Ambato, Cuenca, Guayaquil, Ibarra, Riobamba, San Lorenzo, San Domingo.

[180] A cuberta dos tendidos inaugurouse o 25.07.1996.

[181] A praza anterior tivo a súa última corrida o 7.10.1967. Pero o 25.03.1985 o concello da Coruña aprobou a construción dun Coliseum polivalente que permite tamén o uso como praza de touros; a primeira corrida neste Coliseum foi o 12.08.1991.

Sarria e nalgunha outra vila [182]. Hoxe son infrecuentes os espectáculos con bois; e os que hai varían da Galicia urbana (A Coruña, Pontevedra) á Galicia vilega (Allariz) e á Galicia rural (na Raia seca en Muíños). En tempos tivéronos algunhas outras cidades (Compostela, Lugo e Ourense) ou vilas (Ribadavia e Ribadeo).

En Galicia o espectáculo taurino non é, coma en boa parte de España, o número forte da festa do patrón. A porcentaxe de concellos galegos que non teñen espectáculos taurinos debe ronda-lo 95% e repárese en que aquí as festas, máis que por concellos, fanse por parroquias que son 3.000. Esta escaseza de prazas e de corridas é un feito obxectivo que marca unha diferenza co resto de España.

Ignoramos en que momento as corridas que se documentan historicamente en Galicia empezaron a incluí-la morte do animal na praza. Probablemente aínda hoxe a maior parte non a inclúen.

Á posible relación das prazas de Pontevedra e da Coruña coa presenza de personalidades da política española xa aludimos en 11.10.6.

11.12.4. Galicia non está fascinada polo boi nin polo toureiro senón pola vaca

A contraposición campo-cidade pode dar aínda unha pequena luz sobre a peculiar pero complexa sensibilidade galega ante a tauromaquia.

Nas cidades discútese con paixón a prol e en contra da tauromaquia e, se nalgunhas hai tauromaquia, tamén hai manifestacións antitaurinas. No campo, en cambio, non se discute pero tampouco hai tauromaquia: as comisións de festas das tres mil parroquias galegas non pensan en montar este tipo de espectáculos. É algo que non vai coa psicoloxía do lugar no que predominan os gandeiros.

E nótese que na cidade pode haber familias que manteñan con moito cariño un *animal de compaña,* mentres que no campo se organizan batidas ó lobo, ó raposo e ó porco bravo. Pero no campo nin se programan espectáculos de tauromaquia nin se asiste ás manifestacións antitaurinas, nin se entende como a aparición de cans abandonados nas aldeas cadra sempre co inicio dun período de vacacións na cidade [183]. A relación co animal no campo parece ser diferente.

Uns e outros quizais coinciden en observar espontaneamente a tauromaquia dende o boi que sofre, e a prensa di que os taurófilos galegos diferéncianse dos do resto de España en desexaren que o animal morra axiña [184].

O galego medio non ten no toureiro o seu ídolo [185]. Galicia non parece fascinada polo boi (e menos polo boi bravo) senón, en tal caso, pola vaca. E é que, cando un galego pensa no gando, pensa na vaca, non pensa no boi semental: o macho é secundario. O boi participa do respecto que se tributa á vaca, simplemente. Posiblemente xoguen aquí elementos psicosociais moi profundos que teñen que ver coa diferente maneira de percibi-lo feminino, polo diferente status da muller na Galicia tradicional e por unha diferente necesidade social de ostentar forza e virilidade. Nin falta quen afirme en Galicia que a tauromaquia forma parte do interese de certos grupos por homoxeneizar Galicia co tópico español (*flamenco y torero*): nese contexto enténdese a aparición da bandeira galega coa efixie dunha vaca de ubre ben visible para contrapoñela ó touro de Osborne, como veremos en 13.3.11, que ata ese momento en Galicia era unha simple imaxe comercial. De aí naceu tamén recentemente a felicitación coral a alguén como *¡Gaiteiro, gaiteiro!* alternativa ó *¡Torero, torero!* que se usa na España taurómaca.

11.13. As touradas do mar e outros malos tratos a animais

Sería inexacto (e algo maniqueo) presenta-la diferenza galega como un paraíso para tódolos animais, porque a sociedade galega non é vexetariana e nalgúns casos, certamente minoritarios, a necesidade de matar para comer non buscou sempre a maior rapidez e o menor sufrimento para o animal nin careceu de certa ritualización. Noutros capítulos xa mentamos que en Galicia se usou innecesariamente a aguillada con

---

[182] http://www.portaltaurino.com sinala os seguintes espectáculos en Galicia: 3 corridas na cidade da Coruña e outras 3 na cidade de Pontevedra; ningunha na provincia de Lugo e 1 (a última) na cidade de Ourense no 2001. Temos noticia dalgunhas máis, esporádicas, en Cedeira, en Sarria, en Arzúa (como se viu en 11.5.4.), en Redondela e en Negreira (12.07.1970) e desta queda un cartel asinado por Manzano e impreso na Coruña en Gráficas Brial (http://www.flickr.com/photos/bertez/387069952/ [15.06.2009]).

[183] Máis de 2.500 cans abandonados en Galicia no verán de 2009 (VG2:21.09.2009; 10).

[184] *Los pontevedreses tienen mucha sensibilidad con esta fiesta y lo que quieren es que "el toro muera pronto"* (*El Correo Gallego* 16.08.2007).

[185] Sería o prototipo da presunción, como se ve nesta cantiga popular da Limia: *Hai unha mociña en Grou /con tanto garbo e salero / que cando vai paseando /casque parez un *torero* (LimiaB:1074).

ferrete; que había casos nos que o tratamento do gando no carrexo e nos traslados á feira ou ó matadoiro era manifestamente mellorable; houbo algunha denuncia por maltrato ó animal nalgún matadoiro; e houbo loita dos bois. Queda a corrida do boi.

O caso histórico máis parecido á tauromaquia son as desaparecidas corridas de arroaces en Pontevedra de orixe descoñecida pero de desaparición certa: 1863. Os arroaces a chimpos sobre a auga forman un espectáculo que produce alegría a case tódolos que os ven. A impresión que lles producen ós mariñeiros das rías galegas case sempre é a contraria: os arroaces entran polas rías tralos bancos de sardiñas e, se o mariñeiro está a pescar, mórdenlle as redes, ráchanllas e imposibilitan a pesca. O P. Sarmiento dedicou ó problema pesqueiro dos arroaces numerosas páxinas, o que demostra que esta preocupación era moi forte no século XVIII. De aí pasouse a organizar corridas de arroaces como necesaria defensa da actividade pesqueira. Este traballo realizouse cunha técnica que se foi ritualizando e na ría de Pontevedra acabouse convertendo en traballo-espectáculo. Estas corridas de arroaces celebráronse á altura da Ponte da Barca ata 1863, ano no que desapareceron para sempre. Temos dúas descricións: unha de Borobó (véxase Borobó1) e outra de Filgueira, que viu a luz por primeira vez no *Faro de Vigo* o 14.08.1977 (XFV41:152-156) [186]. Pola semellanza do seu rito ó das corridas de touros, recibiu a denominación de *tourada do mar*.

[186] *O máis sigular de cantos festexos se daban na vella Pontevedra, era a "corrida de arroaces". Podíamos buscarlle precedentes crásicos e paralelos portugueses; non teño noticias de que se fixeran en ningunha outra vila das nosas ribeiras. // O "arroás" é unha "marsopa" que, aínda sendo un "delfínido", non pode confundirse cos "músicos delfines" rebuldeiros e humoristas, amigos do home, que brincan e asubían, a carón dos barcos, e que, como os marfiles e os cans, son ben pouco irracionaes. Os mariñeiros saben distinguilos moi ben dos "arroaces malos", golfiños maragoteiros, que se aproveitan estrizándolles as artes e non deixándoos pescar. O único boo que teñen estes cetáceos é que agoiran os bancos do peixe. Entraban, ría adiante, cando había moita sardiña. Téñoos visto chegar á Ponte do Burgo, nas mareas vivas, asomando, de ves en ves, o lombo, en solenes reviravoltas. // Non era moi dado asinalar, dun xeito fixo, o día das corridas. Todo pendía de que entrasen de seu, ou que poidesen ser obrigados a facelo, moito custo, axuntando barcos da Moureira, de Marín, de Combarro e Sanxenxo, pois os "arroaces de lidia", non se espantan nin dos foguetes. Por eso, nos anuncios das "corridas", en lugar do que se di pras prazas de touros: "si el tiempo lo permite, y con permiso de la autoridad competente", poñíase –coido que, por derradeira, no 1863– "si se consigue que lleguen a entrar en el puerto". No 1850 non puido habela, porque non quixeron chegar. Despois, fechábase o "curro" cunha rede de moi fortes cabos, tendida entre as dúas orelas, na "Barca da Mercé", onde agora está a Ponte da Barca. Gardouse, moito tempo, nos baixos da casa do "Prohombre" na Moureira. // A loita coas arroaces facíase dende barquiños lixeiros, chalanas, gamelas e dornas, ou a nado. Os "trastos" eran arpóns golfiñeiros, picas, dagas, chuzos, aguilladas... Non todos eran mariñeiros antre os lidadores. A presencia de señoritos daría lugar a fortes contrastes, anque non tantos como os que suliñóu Portela na súa pavera caricatura, supoñendo que quererían lidar de levita e chisteira. // Non faltaban trofeos. Como o batifondo que se armaba era moito, a presidencia podería ter dúbidas de quen o fixera mellor na xeira, ou puxera arpóns e por distinguirse e pra seguilos, poñíanlle un sinal: turbante, corvo, gueivota, pomba... A falta de "almohadillas", os espectadores, tiraban pedras, e había hasta tiros de fusil, dende os peiraos. // A "tourada do mar", como era chamada no Algarve, ten moi pouca literatura. Resaltan nela: unha "Descripción" de Cuveiro Piñol; un longo poema de José Benito Amado; un capítulo do "Viejo Carnet", de Prudencio Landín –un libro que compre reeditar–, misceláneas e artigos, entre eles, a de "Borobó", en "Pontevedra é Boa Vila". // O poema de José Benito Amado, foi lido na famosa velada que adicóu o Liceo Casino a Núñez de Arce, como "El Canto de la Negra", a poesía pontevedresa máis famosa de todo o século XIX, porque foi cantada, recitada con piano, posta en marcos dourados, traducida i espallada polas sociedades antiesclavistas. (Era unha poesía social, aínda "arquetípica", nos meus tempos de neno, eu tamén a soupen, que ma adeprendéu moi ben Amalia Besada). // O longo canto adicado á festa leva o tiduo "Fragmento de una leyenda referente al siglo XII, narración descriptiva de las corridas de delfines, en la Ría de Pontevedra", e a correspondente adicatoria ao autor de "El Vértigo". O poeta escomenzóu a facelo en octavas, desleixounas na segunda, e seguíu nun heroico romance endecasílabo, mantendo a asonancia nos trescentos versos. Nin é tan bo como o ponderaban no seu tempo, nin tan malo como o atopaba eu de mozo, cando me ría de aquelo das "cien chalupas y góndolas" ou do "mito febril paleontológico". É un poema "a noticia" que refrexa o rebumbio da moitedume; a forza dos lidadores; os "ojeadores", anunciando a chegada do arroás; a rede que se pecha, tras dél, a manchea de rapaces, burlando as "embestidas del formidable pez en su carrera", "que el agua a chorros en su torno eleva". O son atroador das buguinas; as chalanas volcadas; os lidadores cabalgando nos monstros; mariñeiros e golfiños revoltos; os saltos das barreiras, ca fuxida da xente chea de medo; o fallo dos golpes con chapuzóns, os arpóns con sinos que marcaban o rumbo das bestas sobre as augas, cando nadaban de somormuxo... E un cadro, cheo e moi vivo... que melloraría se fose en prosa. // Nunha cousa se apartan do poeta outras testemuñas. Din que os arroaces eran mortos e logo aproveitada a grasa. Nembargantes, nos versos que dan "finda" a "Narración", se fala do animal posto en libertade. Salvo que se tratara do "indulto" do máis valeroso de antre os que Góngora poidera ter chamado "marinos toros". Di así Amado: "Aplauso general atruena el aire / y al par que, del vencido, la destreza / todos elogian, al delfín se abren, / del ancho cerco, al libre mar las puertas / y entre vayas, y vítores y músicas, / marcha el gran pez, en libertad completa".* O que Filgueira chama aquí arroás (*arroaces malos, golfiños maragoteiros*) e que describe como unha *marsopa*, é o arroaz (*Tursiops truncatus*), mentres que eses músicos delfins amigos do home son os golfiños comúns (*Delphinus delphis*). Os dous comen peixe e aproveitan as capturas das redes, e os dous acompañan os barcos saltando na onda que estes levantan ó avanzar, aínda que o arroaz é máis voraz e máis abundante có golfiño. A toniña (*marsopa*, en castelán) é unha terceira especie de cetáceo (*Phocoena phocoena*) de menor tamaño, moito máis esquiva e predadora, fundamentalmente, de cefalópodos e peixes pequenos. Engadamos que cando os compara cos *marfiles e os cans*, *ben pouco irracionais*, está a utilizar unha denominación antiga do elefante. A inimizade dos mariñeiros cos cetáceos é universal e a Armada islandesa tiña como un dos seus servizos obrigatorios a captura e morte de canto cetáceo atopasen (hai censos de cen orcas nun ano); no século XX en diferentes países premiouse quen matase animais que comprometen o sistema produtivo (cetáceos, raposos ou lobos). Ás costas galegas chegaron cetáceos aínda hai ben poucos anos coas ás cortadas con coitelo ou mesmo con disparos na testa.

Dos espectáculos galegos repulsivos para a maioría debemos menta-las desaparecidas corridas do galo [187], as corridas do porco ensebado, o aínda vivo tiro ó pombiño na Toxa [188] e recentemente unhas clandestinas pelexas de cans.



Touradas do mar (Agustín Portela: *Pontevedra, boa vila*).

[187] Un dos xogos que estaba máis estendido era a *Corrida do Galo* que se facía tamén con moitas variantes. Véxase RARE. *En lugares coma Verducedo, no camiño preto da do "Roxo", atábase o galo a unha corda que atravesaba o camiño e os que querían participar no xogo tiñan que pagar unha "cuota" en diñeiro. Colocábanse a unha distancia determinada, uns quince pasos, e cos ollos vendados, como se fora "á pita cega", e un machete na man, ían achegándose a tentas para intentar ferir ó galo. Gañaba o galo para si o que conseguía ferilo no seu intento. O galo dábao algunha persoa da vecindade e recaudaba as cotas dos participantes. Podía suceder que acertasen os primeiros e entón non gañaba case nada. Mais tamén podía suceder que pasasen moitos sen acertar e entón gañaba cartos. O bo era que tanto o que gañaba coma o que o poñía, no caso de que houbese unha boa participación, facían unha caldeirada e invitaban a viño ós presentes no espectáculo. Outra variante é a corrida do galo que se fai en Vilaboa aínda hoxe e que tamén se facía na parroquia de Domaio. Nestes casos, enterrábase o galo no chan deixándolle a cabeza fóra. Ó redor, formando unha grande roda, colocábanse os guardiáns, para impedir que o roubasen. Estes personaxes ían armados de paus que empregaban cando alguén collía o galo. Tamén se podían colocar nos camiños que rodeaban o lugar da festa para coller ó que fuxira co galo. Se o que rouba o galo consegue escapar dos gardiáns, quédase con el, pero se ninguén consegue roubalo, entón os gardiáns teñen dereito a comelo. // Quizais este sexa o xogo máis importante que se coñece e aínda se podería falar de máis variantes, como a de matalo alí no propio burato no que está enterrado coa cabeza fóra, a de colocalo na punta dun pau posto de pé ou atravesando a canle dun río. Nestes casos gañaba o galo o que conseguía chegar ata o galo sen caer ó chan ou ó río. O gravado que se reproduce data de mediados do século XIX, pero aínda se teñen noticias moito máis antigas, dos séculos XVI e XVII nos que se practicaba a "corrida do galo"* (http://moana.servidores.net/gl/folclore/ entroido1.htm) [8.09.2009].

[188] *El tiro de pichón vuelve a A Toxa con 300 escopetas y 168.000 euros en premios fijos* (*Faro de Vigo* 9.07.2009).

A crueldade innecesaria destes espectáculos ou torneos podería se-la liña que separa estas matas daquelas outras que fai o home carnívoro só para comer e, polo tanto, a crueldade innecesaria sería a liña que divide o imprescindible do que á maioría lle parece inadmisible.

11.14. *No se puede ser torero en Galicia: hay que irse* (Hilario Taboada)



Alfonso Cela *Celita* (Situola: *Suevia*).

Manuel Rivas ten dito que Galicia é o país dun millón de vacas e dun único toureiro. Sendo globalmente certa a afirmación, temos que recoñecer que toureiro galego houbo algún máis. Cae fóra dos obxectivos deste traballo ofrecer un elenco exhaustivo pero si que fomos dando con algún nome máis: o P. Sarmiento cita no século XVIII un toureiro de vara, Manuel Martínez, de Monforte. En 1877 coñecémo-lo ourensán *O Gordito* (11.9.1.) e algún outro case espontáneo ocasional. Máis recente está a memoria de *Celita*, Alfonso Cela Vieito (Carracedo, Láncara, 1885- Madrid 1932), que emigrou ós 11 anos a Madrid, traballou nunha cortadoría e fixose *novillero* en Madrid o 2.02.1910, *tomando a alternativa* o 15.09.1912 na Coruña. No 12.07.1914 en Barcelona tivo que lidar el os seis touros. Triunfou en España e México. Retirouse en Madrid o 22.06.1922. Hai un libro de Juan Brasa (*El fracaso de los fenómenos. El torero gallego Celita*; Madrid, 1913). Tras unha cornada en Valencia, Joaquín Pesqueira (baixo o pseudónimo de Conde de Cela) precipitouse a publicar unha necrolóxica (CONDE:7-8) que ridiculizaría con dureza Ramón Fernández Mato (RFM:VII) [189]. A este *Celita* é a quen probablemente se refire Manuel Rivas.

Pero unha cantiga coruñesa di: *Sal a torear, Caramés, / no seas torero de otoño, / mira que te están mirando / las chavalas de Vioño* [190]. Aínda que non nado en Galicia senón en Orduña (Biscaia), pero fillo de galegos, tourea hoxe Iván Fandiño Barrós, que tomou a alternativa o 25.08.2005 e xa lidou en Las Ventas (Madrid) o 12.05.2009.

[189] Deste fixo Castelao unha caricatura, poñéndolle un sombreiro cordobés con feitura de praza de touros da que sae un caracol (RFM:VII).

[190] http://www.xente.mundo-r.com/valdoneira/cultura/celita.htm [30.09.2009]. Vioño é lugar de Chamín (Arteixo) ou de Sofán (Carballo). E Camilo J. Cela fantasea sobre un *novillero*, Isidro Otero Roca, natural de *Betanzos* (CELA, Camilo José (1963): *Toreo de Salón. Farsa con acompañamiento de clamor y furia:* Barcelona, Lumen). *El Mundo deportivo* do 28.6.1933 anunciaba o debut como "novillero" en Arenas de San Pedro dun segundo *Celita*, tamén galego, de nome Manuel García.

Dos nados en Galicia, o máis recente [191] parece ser Hilario Taboada, nado en 1941 en Arzúa. Disque o impresionou a morte de Manolete (1947) e que el enredaba cos becerros na corte dos seus pais. Emigrado a Barcelona ós 14 anos para traballar como mecánico, aprendeu primeiro o toureo de salón, foi a cantas corridas puido, debutou como toureiro en Noia e chegou a tourear en Valencia, Salamanca e América. En Algemesí (Valencia) chegou a cortar dúas orellas, rabo e mesmo unha pata. En Sarria, nunha corrida de *El Cordobés* e Palomo Linares estivo a punto de toma-la alternativa pero non puido porque xa asinara 200 *novilladas* en México. Di que *fue una pena no haber llegado a torero. No hubiese sido Manolete, pero habría sido un matador de primera fila*. Despois montou unha cadea de autoescolas e no 2007 era asesor de varias prazas de touros (Barcelona e A Coruña).

Verbo dos touros en Galicia di Hilario Taboada unhas palabras que, dende a súa excepcional experiencia, teñen a súa importancia:

> -¿Foi difícil ser galego e toureiro? -*Si. No mundo do toureo hai moitos intereses creados, e para un galego é moito máis difícil. A min insistíronme moito en que cambiase o meu apelido por outro máis taurino, pero eu non quixen. Sempre levei con orgullo ser galego e apelidarme Taboada* (VG2:20.08.2001).
>
> *A Coruña tiene una gran tradición taurina. Nadie puede negar la historia: por aquí pasaron los mejores toreros de cada época. La ciudad debe parte de su fama a los toros.* [...] *No es que no se pueda ser gallego y torero. Lo que ocurre es que no se puede ser torero en Galicia. Hay que irse. Y tener suerte y apoyos.* (VG2:04.08.2007; 39).

Por viren, non dun inimigo das corridas, senón dun dos máximos entusiastas que deu Galicia, estas palabras confirman dúas cousas. Primeira, que este non é un espectáculo que a maior parte dos galegos sintamos como natural, endóxeno, noso. E, segunda, que no mundo dos touros hai esa mesma percepción. Galicia non se declara territorio sen corridas [192] (movemento que medra en Cataluña dende 1989) pero o feito é que o 98% dos concellos galegos non teñen espectáculos de tauromaquia e do 95% non consta que os tivesen algunha vez. É sintomático que Galicia, en cambio, ame o espectáculo dos curros ou rapas das bestas. Parécenos que o dito pode axudar a entendelo.

[191] Ignoramos que grao de profesionalidade ten Esteban Remiro Mallo, que no 2008 disque lidou en Zacande (Meis) e que se fai chamar "El niño de la ría de Vigo".

[192] Con todo, é certo que o BNG presentou unha proposta global nesa dirección no Parlamento Galego en agosto de 2009; e que o 30.01.2010 o Pleno do Concello de Cangas declarouse oficialmente contrario ás corridas de touros, sendo probablemente o primeiro Concello galego que tal fixo.

Capítulo 12. CRENZAS E CALENDARIO GANDEIRO

Capítulo 12. CRENZAS E CALENDARIO GANDEIRO

12.1. Crenzas, crenzas erróneas e supersticións

12.1.1. As crenzas e as supersticións, forma primitiva de entender e controla-la realidade

Neste capítulo recollemos oracións, ensalmos e fórmulas máxicas parar curar ou protexe-lo gando; mesmo hai unha para que o lobo ataque o gando do veciño e non o propio. Falamos de prácticas semi-rituais que se executan no momento de merca-lo gando, cando se mete na corte, cando morre o cabeza de familia; falamos do mal de ollo, do aire do boi e o aire da vaca, das vacas que dan sangue en vez de leite; falamos de casos coma o da vaca que salta por riba da cabezalla do carro; falamos das meigas que se convertían en moscas para moscaren o gando e como defenderse delas. Todo un mundo de crenzas tradicionais que chegaron vivas e activas á fin do século XX.

Cando un paisano vende a vaca, ó entregarlla ó comprador, quítalle a corda e leva esa corda con el para a casa: isto faino porque é tradición que na corda vai a sorte da casa. É difícil establecer por que conxunto de feitos se chegou a formular esa opinión e cómo esa opinión chegou a converterse en crenza común a toda Galicia, ata o punto de que ningún gandeiro deixa i-la corda coa vaca que vendeu. ¿Estamos ante unha *crenza*, é dicir, ante unha "idea que alguén ten acerca de algo no que el cre, do que está convencido", ou estamos ante unha *superstición*, entendida non xa como "crenza estraña á fe relixiosa" senón como "sentimento á marxe da razón, polo que se cre que certas cousas ou signos ou feitos teñen misteriosamente boas ou malas consecuencias"?

Este é un terreo no que é difícil establecer con exactitude o límite entre a valoración ponderada e a valoración excesiva ou desmedida de algo.

Neste libro de etnolingüística nós recollemos informacións etnográficas pero non entramos a valorar máis aló do indispensable. Sabemos que a luz da ciencia ten que iluminar cada vez máis territorio e que nisto vai o progreso da humanidade. Pero sabemos tamén que a poesía, os mitos e os ritos son unha maneira de ir convivindo coas innegables zonas de misterio permanente que existen na fráxil existencia humana. E para esas zonas de misterio o gandeiro tradicional contaba cun repertorio de crenzas [1].

Ora ben, ese conxunto de crenzas, supersticións, mitos ou ritos fóronse evaporando nos últimos cincuenta anos coa difusión dos coñecementos veterinarios e coa estabulación moderna, ventilada e iluminada

[1] Hospitalidade ritual pero tamén poética é ofrecer un pouco de leite a unha persoa que non se coñece e darllo cunha rafa de pan, para que non enmeigue (Mondo4:179). E o receptor que non está nas claves que provocan o xesto pode non percibir por que llo fan. Do mesmo xeito que un mendigo, se cadra, tampouco entende que, cando pare unha vaca, o primeiro leite que se pode comer llo dean a el, para que o Noso Señor defenda a vaca (Mondo4:179).

pola luz eléctrica. Axuda nisto o crecente agnosticismo: antes rezábase a san Bertomeu para que protexese o gando do lobo; hoxe, non, pero non porque non haxa lobos senón porque xa non tódolos gandeiros fían na capacidade dos santos para interviren nestes asuntos. Tamén influíu a coincidencia no tempo co borrado da memoria ancestral que produciron os modernos medios de comunicación, máis atentos a airea-lo negativo, o violento e o escandaloso do que a recolle-la neutra variedade de ritos, costumes e pensamentos. A tendencia espontánea do ser humano a interesarse polo morboso creou unha maquinaria comunicativa que non recolle a variedade de visións do mundo que tiñan as xeracións anteriores; e que, en consecuencia, uniformiza.

Todo contribúe hoxe a demoniza-lo conxunto de crenzas tradicionais. E a forma máis primaria é a de consideralas como manifestación de incultura, aldeanismo e pobreza.

Nós, como dixemos, non entramos a valorar aquí o que son crenzas e o que son supersticións. Este é un traballo etnolingüístico e limitámonos a recoller informacións do que fan, din, cren e contan os nosos informantes. Só cando falamos de procesos terapéuticos tradicionais, resúltanos, por veces, inevitable facer algún comentario que nuns casos desvele a oculta lóxica que pode ter ese tratamento e que, noutros casos, especifique en honor á verdade que un determinado tratamento é obxectivamente ineficaz ou mesmo pode acabar resultando prexudicial para o animal.

12.1.2. Tamén hai crenzas e supersticións no mundo urbano actual

Permítasenos, con todo, unha advertencia. O lector urbano non debe pensar que a diferenza entre o seu mundo moderno e urbano e o mundo rural dos gandeiros tradicionais galegos consiste en que este era un mundo mítico e precientífico, mentres que o seu mundo urbano moderno funciona só por procedementos obxectivamente científicos. No mundo urbano existen tantos ou máis comportamentos rituais que son radicalmente anticientíficos: a participación en todo tipo de loterías (masivo e case obrigado en certos días do ano), a inxesta de 12 uvas ó ritmo dun reloxio no cabo do ano, a compulsiva heliolatría que leva multitudes ás praias e das praias ás clínicas dermatolóxicas, a identificación con certos equipos deportivos ou con certos ídolos mediáticos que pode levar a actitudes grotescas, irracionais ou mesmo agresivas ou a utilización de roupa interior de cor vermella tamén en certos días. Hai mesmo un novo calendario festivo ó que ninguén se substrae (fins de semana, pontes, semana branca, turismo de verán). Existen tamén innumerables lendas urbanas que se repiten en países de varios continentes, coma a historia do submarinista succionado por unha avioneta contra incendios que acabou lanzado no monte ó medio e medio do incendio; ou o perigo de pasar por baixo dunha escada; ou as porquerías encontradas nos pratos dos restaurantes de comida rápida. En Castela está moi estendida a crenza de que beber sangue de touro dá fortaleza e protexe de moitas enfermidades; e que mete-la man no sangue do animal cando agoniza tira as espullas, cousa que chegou a ser prohibida polo Regulamento de matadoiros de 1918 [2]. O ser humano para afronta-la realidade, para manexala en proveito propio e para defenderse dos seus aspectos agresivos, utiliza procesos racionais pero tamén bota man de procesos máxicos, que, si, son diferentes dos que utiliza o gandeiro tradicional, pero só na forma, non na estrutura profunda. Chega con observa-la crecente desigualdade entre seres humanos, a progresiva e aparentemente inevitable contaminación do aire e das augas ou as guerras de expropiación, para concluírmos que o mundo urbano moderno tamén está moi dominado pola irracionalidade.

Vexamos agora os elementos etnolingüísticos relacionados coas crenzas e supersticións e faremos despois os correspondentes comentarios.

12.1.3. Material etnolingüístico das crenzas e supersticións do mundo gandeiro

13687 **agano 1** *s.m.* Insecto que supostamente produce a inflamación da lingua, capaz de produci-la morte da vaca. Ver nota á mesma voz na epígrafe 8.5.8. *Patoloxía: glosite*. (Feás-A, Gui., Mel1).

13688 **albariña 1** *s.f.* Insecto velenoso vermello, tamén chamado cascuda, que comido polas vacas fainas inchar. (ERG).

13689 **arau** *s.m.* Ver ARRÁN /13691. (CP).

13690 **arghana** *s.f.* Insecto coriáceo, negro brillante,

[2] Pero temos coñecemento de que a práctica de baña-las mans e brazos no sangue dos touros de lida era un remedio común e actual no Maestrazgo valenciano para combate-las espullas, eccemas e a psoríase aínda en 1999. Un informante, de Villafranca del Cid, Castellón, asistiu persoalmente a esta práctica e comprobou entre matarifes e carniceiros que era cousa normal nesa zona. Naturalmente, o baño de sangue facíase no matadoiro da praza de touros, porque se coidaba que só tiña esa propiedade terapéutica o sangue de touro bravo pero non o do resto dos vacúns nin de ningunha outra especie de abasto.

que, segundo crenza popular, bota un líquido velenoso que mata o gando. (Fra.).

13691 **arrán** *s.m.* Insecto negro, menor que un grilo, que popularmente se considera velenoso para as vacas que o envíen. Nótese que outra etioloxía popular do meteorismo das vacas consiste en enviar unha ra, ou mexo desa ra. Poida que o nome de *arrán*/ *arrau* para denomina-lo escaravello sexa o produto dunha confusión do informante ou que teña que ver co erro que comentamos na voz ALBARIÑA 1 /8198 na epígrafe 8.5.11. (CP).

13692 **arrau** *s.m.* Ver ARRÁN /13691. (Lan.).

13693 **cascuda 1** *s.f.* Insecto que, comido polas vacas, cre a xente que produce meteorismos. (Cab., Com1, Cur., ERG, Gui., Nove., San., Sob.).

13694 **cascudo** *s.m.* Ver CASCUDA 1 /13693. (Caa., Feás-A, Gro1, Sob.).

13695 **corda 1** *s.f.* Vencello para ata-los bovinos polos cornos. Símbolo da boa sorte, sempre se trae á casa, aínda que se venda a vaca. Ctel1 explícanos que *hai pé de labrador que non dá a corda nin por mil pesetas, que din que é da-la sorte (o cabalo véndese con corda, leva o ramal; a vaca, non sempre). A verdá é que as cordas novas por falta de uso están bravas e mancan algo o animal*. (Común).

13696 **lixo 5** *s.m* Ver AGANO 1 /13687. Rivas Quintas defíneo como "clase de insecto, parecido al escarabajo, que anda en la hierba. Según el vulgo, el animal que, al parecer, lo traga, muere si no es sangrado". (Forc1).

13697 **piollo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Insecto indeterminado que, segundo a crenza popular, provoca a inflamación das papilas da lingua. As fontes dan tanto a forma simple, *piollos*, como a composta *piollos na lingua*. Como se puido ver no apartado referido á estomatite (8.5.7), os informantes presentan variantes en canto á palabra *lingua*, que nuns casos é así, *lingua*, pero noutros é *linghua*, *lengua*, *lencua* ou *lenghua*. (Común: Abe., Amandi, Anseán, Antas3, Arroxo, Baltar, Bas., Bolo, Buga-A, Cabal., Cadrón, Cang2, Carr-C, Ced., Chan., Com1, Conxo, Couce., CReis2, Cubi2, Cur., Dis., DRAG2, Estr3, Fara., Figue1, Goián, Lagar., Lama, Laxe, Lestón, Meira2, Melias, Mon., Mondo1, Mour1, Negral, Neves2, Noalla, Nove., Parade., Parga, PCal2, Penela, Peno., Peroxa, Piñe., Piñor, Pont., PSil, Razo, Ribó, Rus, Saiar, San., Sende., Sisto, Somo2, Sou3, Taboa., Vala1, Valad2, Vboa., Verdu., Veste., VFrore., Vil., Viso1, Viso2, Vrei., Vixoan., Xeve, Zamáns, ILG(C:29).

13698 **pollo 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver PIOLLO 2 /13697. (Abadín, Ben., Caa., Cab., Car2, Consta., Damil, Fre., Gui., Lago, Laxosa, Mira, Mondo2, Oirán, Rábade, Vala).

13699 **rela** *s.f.* Insecto verde que, enviado polas vacas coa herba, fainas inchar. Ver explicacións a esta voz na epígrafe 8.5.11. *Patoloxía: meteorismo*. (Com1, Cou3, CP, Gud., Gud7, Mez., Nove., Raiaseca, VLQ).

13700 **relo** *s.m.* Ver RELA /13699. (Com1, Laxe, Mel1, Razo, SComba, Sob.).

13701 **renlo** *s.m.* Ver RELA /13699. (San.).

13702 **sangüeira** *s.f.* Ver SANGUMEIRA /13704. (Piquín).

13703 **sanguiña** *s.f.* Ver SANGUMEIRA /13704. (ERG).

13704 **sangumeira** *s.f. Timarcha tenebricosa*, insecto que disque mata ó gando que o coma. Cuspindo nel, bota un líquido sanguinolento. (Burón).

13705 **soléngoa** *s.f.* Ver SULENGUA 1 /13707. (Per.).

13706 **solengua** *s.f.* Ver SULENGUA 1 /13707. (Suarna, Vala.).

13707 **sulengua 1** *s.f.* Insecto que supostamente produce nas vacas un avultamento baixo a lingua. (Cab., Fri., Gui., Ped1).

13708 ***ranilla 1** *s.f.* Vexiga baixo a lingua supostamente producida por un sapo pequeno, nuns sitios, ou unha cascuda, noutros. (Goián, Mra., Pont., Ver1).

13709 ***ranilla 2** *s.f.* Ver RAN DE SAN ANTÓN /13713. Xa fala dela no XVIII F. Marín Sarmiento. O Padre Sarmiento escribe: "Es una ranita pequeña, negra y con parte de las patas coloradas, venenosa, y que suelen los bueyes comer con la hierba, y si no se les acude se hinchan y mueren. Es el *buprestis*. Averigüese" (FMS:357). Tamén di que no Bierzo lle chaman *raniella*. En realidade, a ra de san Antón non é negra senón de cor verde viva uniforme (ve-la descrición na voz RAN DE SAN ANTÓN /13713), nin ten as patas coloradas: a cara interior das coxas toma unha cor amarelenta ou rosada, pero nunca se podería describir como *patas coloradas*. Tampouco entendemos esa alusión ó *Buprestis*, que é nome dun xénero de insectos coleópteros. (FMS, Xun2).

13710 **espiga *reina** *s.comp.f.* Espiga de millo cos grans vermellos, que se conserva para usala contra certas enfermidades do gando. ERG define a *espiga reina* (s.v. *espiga*) como "la espiga de maíz que tiene los granos encarnados, y que muy rara vez aparece entre las demás cuando se practica la faena de la *esfolla*. La espigadora que la encuentra es considerada como de mucha suerte, pues la espiga se conserva porque se emplea como medicamento para ciertas enfermedades del ganado". (ERG).

13711 **ra albariña** *s.comp.f.* Ra verde, pequena e de patas traseiras longas. Existe a crenza popular de que os animais poden sufrir un meteorismo por pacer herba na que mexou unha destas ras. (Gro2).

13712 **ra da uva** *s.comp.f.* Ver RA ALBARIÑA /13711. Popularmente identifícase coa chamada *ra de san Antón* (*Hyla arborea*). (Gro2).

13713 **ran de san Antón** *s.comp.f. Hyla arborea*. Ver RA ALBARIÑA /13711. Trátase dunha ra de pequeno tamaño (35-45 mm de lonxitude), de cor verde viva uniforme (que segundo as circunstancias pode variar a gris ou parda) no dorso e branca polo ventre, con dúas bandas mouras nos costados que percorren todo o corpo. Atópase distribuída en toda Galicia, sempre ligada a masas de auga estables, e gusta de trepar polos matos, especialmente toxos e silvas, así como permanecer queda entre a herba, asoleándose. Tamén se coñece como *estrosa* e *estroza*. Eladio Rodríguez define erroneamente a *estroza*, un anfibio, como "reptil venenoso", aínda que segue dicindo que tal nome "suele aplicarse a la rana arbórea". Recolle de Valladares a afirmación de que "nuestros labradores creen el pequeño reptil nocivo para el ganado vacuno si éste lo muerde al comer la hierba". A crenza popular afirma que, cando mexa na herba, produce meteorismo na vaca que pace nesa herba. Nalgúns lugares atribúen o meteorismo a que a vaca comeu a ra que accidentalmente ía no medio da herba. De feito, cando é capturada segrega pola pel un líquido viscoso que resulta irritante para as mucosas. Descoñecemos ata que punto pode actuar sobre a mucosa bucal dunha vaca que, accidentalmente, poida tragar unha ra agachada na herba. (ERQ).

13714 **amaiado** *adx.* [Animal] canso ou enfermizo porque lle entrou o maio. Por extensión, aplícase á xente preguiceira. (Sardo., VLQ).

13715 **esmaiolado** *adx.* Ver AMAIADO /13714. (Lan.).

13716 **con meighallo** *loc. adx.* [Becerro] raquítico. A nosa fonte escribe *meijallo*. (Medín).

13717 **afumar** *v.* Protexer [o gando] mediante fume. É un costume supersticioso da noite de san Xoán para protexe-lo gando de meigallos e maleficios. (ERG).

13718 **amaiar** *v.* Debilitarse. A nosa fonte escribe *amayar*. (MLP).

13719 **arresponsar** *v.* Pór [a unha persoa, animal ou acción] baixo a intercesión de san Antón mediante o rezo dun responso milagroso. No noso caso, utilízase para protexe-lo gando dos ataques do lobo. (Arcos).

13720 **coutar 2** *v.* Curar -ou intentalo- unha enfermidade do gando mediante o uso de esconxuros. (Incio, Mel1, Parade.).

13721 **mamarlle o leite unha cobra [á vaca]** *loc. v.* Non dar leite [unha vaca] por medo a un réptil. Trátase dunha crenza infundada xa que a cobra non pode mamar porque non ten beizos para face-lo baleiro. (Común).

13722 **quita-lo airexo** *loc. v.* Curarlle a infecundidade [a unha vaca] botando man dun remedio máxico que consiste en facer pasa-la vaca por baixo de certa ponte, sen que ninguén pase daquela por riba. (Pont.).

13723 **te-la nacida** *loc. v.* Ter unha inchazón [unha vaca], supostamente causada por un insecto negro que comeu coa herba. (Cerd1, Tabor.).

13724 **te-la vorruga** *loc. v.* Non empreñar [unha vaca]. Algún paradista quéimalle ou faille un corte no clítoris e xa queda convencido da eficacia. (Pont.).

13725 **te-la *ghanilla** *loc. v. pop.* Sufrir un meteorismo causado, segundo crenza popular, por un insecto que [a vaca] come coa herba. (Sou3).

13726 **te-la *ranilla** *loc. v.* Incharlle a lingua [á vaca] ata producirlle asfixia, disque debido á mordedura debaixo da lingua dunha cascuda negra. (Pont3).

13727 **te-las relas** *loc. v.* Ver TE-LA NACIDA /13723. (VLQ).

13728 **te-lo airexo** *loc. v.* Sufrir unha patoloxía indeterminada que a xente atribúe a un influxo maléfico. O remedio máxico é pasalas por baixo dunha ponte especial (Santo Paio en Campañó) para *quitarlle o airexo*. (Pont.).

13729 **te-lo argán** *loc. v. pop.* Sufrir un meteorismo causado, segundo crenza popular, por un insecto que [a vaca] come coa herba. (Lama).

13730 **te-lo mal de ollo** *loc. v.* Estar enfermo [un animal]. Existe a crenza supersticiosa de que algunhas persoas secan coa mirada un animal. (VLQ).

13731 **te-lo meigallo** *loc. v.* Estar enfermo [un animal]. Existe a crenza supersticiosa de que certas doenzas proceden de poderes maléficos. (VLQ).

13732 **non hai coma o natural** *fórm. desp.* Fórmula na que se condena a inseminación artificial e se ensalza a fecundación natural. (Común).

13733 **¡san Antoniño bendito!** *fórm.* Fórmula de desexo de ben a un animal. (Cazás, Ctel1).

13734 **¡san Antoño bendito!** *fórm.* Ver ¡SAN ANTONIÑO BENDITO! /13733. (Cazás).

13735 **¡*Dios che día *suerte!** *fórm.* Fórmula de desexo de éxito a alguén en relación con algún animal doméstico do que se está a falar. (Cazás).

Á muller con tortos poille debaixo da cama un fato con tres cornos. (VLLM:2,516) [3]
A quen co demo anda, o boi se lle esmanca. (VS)

[3] Llópiz: *â, tórtos*; explica que é superstición da comarca de Xinzo para alivia-los entortos do parto. Ignoramos se estes cornos deben ser ou non de vaca.

Ó que co demo traballa, os bois se lle desmandan. (ERG:demo; VS) [4]
Quen co demo anda, o boi se lle esmanza. (JASA:325; JASA2:29; JASA3:229; EAG:27; VS) [5]
Quen co demo anda, o boi se lle esmouca. (FBB:231) [6]
Quen co demo anda, os bois se lle escornan. (ERQ2:67)
Quen co demo ara, o boi se lle esmouca. (SOBREI) [7]
A quen lle morre a vaca, andivo coas malas fadas. (VLLM:1,130) [8]
Ao que lle morreu a vaca, caéronlle as malas fadas. (VLLM:1,130) [9]
Á vaca que pare, pota de chiculate. (VLLM:1,132) [10]
Ao pastor que moito se gaba, o demo lle linda as vacas. (VLLM:1,130) [11]
Ao que ten pan, carne e viño, Dios lle dea herba no liño. (Carb-L:196; Carb-L2) [12]
Ao que veña do maroto e ao que veña do xaldo para a braña do vaqueiro, miña parte douna ó diaño. (VLLM:1,130) [13]
Boi bravo, vente ó carro, que o manda o Apóstol Santiago. (EGE:57; VS) [14]
Cando o ano entra en domingo, vende os boiciños e merca milliño. (XMSH:29)
Cando o ano entra o domingo, vende os boiciños e compra milliño. (VS)
Cando o ano entrare en domingo, vende o boi e merca millo. (DRAG)
Cando o ano entrare en domingo, vende o boiciño e merca milliño. (UCA:35.7; UCA2:28)
Cando o ano entrare en domingo, vende os boiciños e merca milliño. (EAG:12; ZM:56; MVN:31; MVN2:76; XTC4; VS) [15]
Cando o ano entrare en domingo, vende os bois e merca millo. (ERG:ano; VS) [16]
Cando o ano entre en domingo vende o teu boiciño e merca millo. (NevesC)
O ano en domingo, vende os bois e méteos en millo. (VS)
Si o ano empeza o domingo, vende os bois e compra milliño. (VS)
Garde a vaca san Antón e o xatiño que mamou. (VLLM:1,142) [17]
Meu san Antoniño, hasme garda-las miñas vaquiñas e as do meu lugar. (VLLM:1,144) [18]
Prega a san Antón mais non deixes a guillada dos bois. (VLLM:2,891)
San Antón, garda o meu gado, que non se bote ó mar. (VLLM:1,94) [19]
San Antón, que a miña facenda compón, que non morra nin manque nin faco nin boi. (VLLM:2,891) [20]
San Antonio garde o gando e san Xoán as ovellas, e mais as costureiriñas que andan polas casas alleas. (VG:14.6.86)
San Antonio garde o gando que a xente unha vén e outra vai. (SOBREI) [21]

---

4 VS: *O que co demo traballa...* O anacoluto é moi frecuente na paremioloxía.

5 *Esmanzarse*: desmandarse. No texto: *c'o demo*, *se ll'esmanza* (JASA); *c'o demo* (JASA2); *c'o demo* (EAG); *esmansa* (VS).

6 FBB: *Y viceversa: 'Quen con Deus anda hastra o vento lle apaña a leña'*.

7 Localizado en Monforte. No texto: *boy*.

8 Recólleo de A. García Alén.

9 Llópiz: *Ao que morreulle a vaca, caíronlle*... (un dos casos nos que Llópiz corrixe mal a colocación do pronome átono); recólleo de Fiol España (na Coruña) e tamén de A. García Alén.

10 Véxase o comentario a este refrán na epígrafe 7.6.2.

11 Llópiz recólleo en Sober (Lugo) de F. Carballo e explica que expresa o difícil que resulta lindar ben as vacas en Galicia, polo tipo de pastos que lles hai que procurar, para que non se metan en minifundios e devesas, para que non caian por barrancos, para tornárlle-los animais que as atacan e para que fuxan dos sitios intrincados etc.

12 No texto: *tén* (Carb-L2).

13 Llópiz di que está recollido en Ernes (Negueira de Muñiz, aínda que el o sitúa na veciña Navia de Suarna) e que corresponde á fala dos Vaqueiros de Alzada. Expresa a arrogancia con que estes miran a xente pescadora (*marotos*) e labradora (*xaldos*).

14 VS: *Apóstolo Santiago*. Di Saco que *Se dice en S. Julián de Vea (Estrada), y alude a la referencia tradicional de que los toros bravos del país se dejaron uncir al carro para conducir a Compostela los restos del Santo Patrón de España.*

15 No texto: *miliño* (sic) (EAG); *Cand'o, mèrca* (MVN); *mérca* (MVN2). Taboada Chivite recolle este refrán dúas veces e nunha delas escribe *Cand'o ano, vend'os boiciños*; nunha terceira versión remata ademais con *milliños*.

16 Saco comenta: *Porque será año de hambre. Vana superstición, sin fundamento alguno*.

17 Llópiz explica que é oración que din os labregos cando beben leite acabado de muxir.

18 Llópiz: *asme, gardar as*; explica que san Antón Abade é o protector dos animais domésticos; recólleo da fala dos Vaqueiros de Ibias e Ernes.

19 Recollida na costa de Oia, onda A Guardia.

20 Recólleo en Xinzo de Limia.

21 No texto: *unha ven y outra vay*.

Máis val na corte que arresponsado. (JASA:343) [22]
O gado vale máis na corte que arresponsado. (VS)
Navidá en viernes, sementa onde poideres; Navidá en domingo, vende os bois e bótao en trigo. (ERG:navidá)
Na semana da Ascensión, tres días carne e tres días non. (UCA:35.8; UCA2:46; ZM:144; MVN2:94; ERG:ascensión/semana; XTC4; PdM:14) [23]
O día de santo Estevo córtalle o rabo ó teu becerro. (Carb-L:211; VS) [24]
Polo san Estevo rapa o becerro. (MVN2:102) [25]
Ó mal gado léveo o diaño. (VLLM:2,90) [26]
Ó mal gado léveo o trasno. (VLLM:2,90) [27]
Ós pobres Deus mándalles nenos, ós ricos mándalles becerros. (Gro5)
Ós probes mándalles Deus nenos; e ós ricos, becerros. (XMSH:154; ZM:40) [28]
Pasando a cachela da vespra san Xoán, todos bois e vacas nun verbe curarán. (VLLM:1,151) [29]
Salvando a cachela da vespra san Xoán todos bois e vacas nun verbe curarán. (VLLM:1,151)
*Si queres que a vaca che dé *boa leite busca que che paira no coarto crecente.* (XTC1:116; XTC4; VS) [30]
Si se lle ha de dar ó diaño, dáselle ó gado. (XTC4) [31]
Vacas por maio e mulleres nas vodas, veña o demo i escolla. (VLLM:1,155) [32]
Vaqueiro e cocho invernizo, Dios non vos fixo. (VLLM:1,155) [33]
Vaqueiro e porco invernizo, o demo vos fixo. (VLLM:1,155)
Vaqueiro pola neve e porco con frío, o demo que os leve. (VLLM:1,156) [34]
Vaqueiro pola neve, que o demo o leve. (VLLM:1,155) [35]

A Palas vou,
de Palas veño,
de me bendecer san Breixe
a xuvenquiña que teño. [36]

A Virxe de Biduído
anda no monte co gando
e San Martiño de Laraño
andáballo arrecadando. [37]

---

[22] Saco explica que sempre é mellor te-lo gando na corte, sen sacalo ó pasto, que, unha vez perdido, ter que reza-lo responso a san Antón para atopalo. No texto: *c'arresponsado*.

[23] No texto: *seman, d'Ascensión* (UCA); *seman* (UCA2); *N'a semana, d'a Ascensión, dias* (MVN2); ZM: *tres días de carne e tres días de non* (ZM); *d'Ascensión* (PdM). A festa da Ascensión é variable pero adoita caer a primeiros de xuño ou últimos de maio.

[24] No texto: *san Estebo* (VS). Santo Estevo festéxase o 26 de decembro. En Melide isto de lle corta-lo rabo ó becerro fanllo o 31 do mesmo mes (Mel2:410). Tamén Taboada Chivite: *Se repiten en este día* (fala do día de san Silvestre) *las burlas de Inocentes, ... unos vecinos aconsejan a otros que corten a las vacas el rabo para que no 'mosqueen'* (XTC1:129).

[25] MVN2: *Po-l-o.*

[26] Llópiz explica que a vella de Cospeito que llo transmitiu explicoulle que o refrán di iso porque só o diaño pode facer bo del.

[27] Llópiz: *gâdo*; di que xa está en Bluteau.

[28] ZM: *aos.*

[29] Llópiz cita este refrán gramaticalmente peculiar (*vespra san Xoán*, *todos bois*, *nun verbe*) que recolle de Martín Lázaro, prof. veter. en Pontevedra en 1916. Alude á práctica supersticiosa de facer pasa-lo gando por riba da fogueira (*cachela*) da noite de san Xoán para curar das enfermidades, aínda que tamén poida ter carácter de ofrenda para a prosperidade do gando. Alfredo Brañas (AB: 22.03.1890, 197) evocou este rito na súa poesía *A víspora de San Xuan*, da que entresacamos este fragmento:

Eran as once e media e xa a fogueira
converteuse en montón d'ardentes brasas,
qu'os rapaces con paus esparexían
por enfrente da casa.
Pol-as cinzas d'o lume así dispostas
todol-os bois d'aquel lugar pasaron,
pois ô pasar curábanse n'un verbo
s'estaban embruxados.

[30] XTC1: *de, carto, crescente*; VS: *carto*. Taboada explica que se cre que as vacas dan máis leite cando paren en nova e menos cando o fan en minguante (XTC1:109). Saco di que o recolle de Taboada Chivite.

[31] No texto: *ll'ha, o diaño, dasell'o.*

[32] Llópiz: *bodas, i-escolla*; explica que polo rebulideiras que están nesas ocasións; recólleo de J. Lorenzo (*Refranes de Lobeira*, sic).

[33] Llópiz di que alude, como o seguinte, ás impertinencias e baladronadas dos Vaqueiras de Alzada. Recólleos en Navia de Suarna de M. Vázquez Díaz.

[34] Llópiz: *pol-a*; explica que o refrán alude ó moito que renegan os Vaqueiros de Alzada polos perigos que pasan nunha xeografía tan difícil e polo moito que gruñen tamén os porcos con frío. Recólleo de Francisco Lanza (Ribadeo).

[35] Llópiz: *pol-a*; recólleo onda Taramundi, na serra de Aurno.

[36] VLLM:2,893.

[37] RCI:18. No texto: *gado; Viduído.* Corriximos *gado* pola rima e por se-lo que corresponde dialectalmente á zona de Santiago (Laraño) e de Ames (Biduído).

Louvado san Breixe,
vou munxir a marela,
adepárame bo leite. [38]

Meu louvado san Antón,
prégote co meu responso
pra me garda-la facenda
que non me coma o lobo. [39]

Meu San Antoño bendito,
como me cases hogano,
heiche levar unha vela
coma un fungueiro dun carro. [40]

Meu san Marcos,
que amansas bois bravos,
amánsame iste fillo,
que é pior que o trasno. [41]

Neboeira, vaite, vaite,
cara os campos da Ribeira,
comer ovos e manteiga
daquela vaca tenreira. [42]

San Antón, gárdame o gado
e mais o meu becerriño,
que está na corte bruando
pola nai, que é pequeniño. [43]

San Antón o de Padua,
en Portugal leterado,
do perdido fai achado,
ampárame o meu gado,
ate que o sol sexa nado. [44]

San Antoniño garda o gando,
San Xoán garda as ovellas,
Santa Lucía ás costureiriñas
que andan polas casas alleas. [45]

San Antoniño pequeno
anda no monte co gado,
descalciño pola neve,
chovendo e serebeando. [46]

San Antoniño pequeno
anda no monte co ghando
a Virgen de Pastoriza
iándallo arrecadando. [47]

San Antoniño pequeno
no monte gardou o gado
todo cuberto de neve,
vestido de colorado. [48]

San Antoniño pequeno
queda no monte co ghando
a San Antoniño ghrande
quédallo arrecadando. [49]

San Antonio garde o gando
e mais a quen anda con el,
para lle apañar a herba,
para lle dar de comer. [50]

San Antonio garde o gando
e mais a vaca marela,
e mais a filla máis nova
se non quer gardar a vella. [51]

San Antonio garde o gando
e mais o meu becerriño
que está na corte bruando
pola nai que é pequeniño. [52]

---

38 VLLM:2,893.

39 VLLM:2,891. Explica que a recolle na Pobra do Brollón onde *facenda* disque significa fato de ovellas ou cabras.

40 MLP:188.

41 VLLM: 2,896; san Marcos celébrase o 25 de abril. Di Llópiz que a oración alude a que o boi bravo é o animal simbólico do evanxelista pero, curiosamente, non é o avogoso do gando bovino. Véxase epígrafe 11.4.1.

42 Cea2. Semella un conxuro para que a néboa quede na Ribeira ou zona baixa onde se forma, e para iso se lle promete, a modo de ofrenda, os ovos e manteiga que pode comer alí. A *vaca tenreira* é, neste caso, a vaca que pariu hai pouco tempo.

43 VLLM: 1,94; recollida en Ortigueira.

44 VLLM: 1,94; recollida en Arbo.

45 Camb1:50, Castre:78. No texto: *San Xoan*. Temos un refrán moi semellante: *San Antonio garde o gando e san Xoán as ovellas, e mais as costureiriñas que andan polas casas alleas*, quitado de *La Voz de Galicia*. Sendo santa Lucía avogosa da vista, esta versión é a máis completa.

46 TCha:69.

47 SCHU1/2/284, SCHU4/2/817a.

48 Capela.:120. No texto: *pequeño, gardóu.*

49 SCHU1/2/285, SCHU4/2/817b. No texto: *arrecabando*.

50 DBP:3791. No texto: *e máis, ll'apañar*.

51 Rois:77. Recollida en Pumar (Urdilde, Rois, A Coruña). No texto: *e máis*.

52 JPBI:201.29. No texto: *n-a, pol-a nai qu'é*.

San Antonio garde o gando
e mais o meu tesouriño,
que está na corte coa nai
porque é moi pequeniño. [53]

San Antonio garde o gando
no medio daquela veiga;
os becerros fan as papas,
as vacas fan a manteiga. [54]

San Antonio gharde o ghando
e San Ramón as ovellas
tamén gharda as costureiras
que andan por portas alleas. [55]

San Antonio gharde o ghando
ghárdame a miña beserra
que está na corte berrando. [56]

San Isidro labrador,
que anda arando no campo;
a santa Eufemia bendita
vaille de diante do gado. [57]

San Isidro Labrador,
que andas arando no campo,
e santa Eufemia bendita
vaille por diante do gando. [58]

San Vicente pequeniño
anda no monte co gando,
a virxe de Pastoriza
ándallo arrecadando. [59]

12.1.4. Crenzas e ritos de cando se merca unha vaca

Cando levan unha vaca á feira o costume é traer de volta á casa a corda coa que ía atada, pois considérana símbolo da boa sorte, e da-la corda coa vaca sería algo así como da-la boa sorte, a fortuna da casa (ERG:corda; JRL:202).

> *Cando se vende algún animal que vai atado c'unha costa ou c'unha soga, non se debe vendel-a costa nin a soga, porque si se vende, véndese a sorte* (Mondo4:181).

En Becerreá din que coa corda vai tamén a virtude contra o meigallo. Vázquez Pintor retrata así o momento:

> *Quedan os tres sós: o tratante, o labrego e a vaca, recontando os cartos, trocando a corda e o dono, remoendo a palabra nun recanto humilde da feira, sobre a laxe con bosta que tripan os paos dos zocos, as gomas dos pés, os cascos* (XVP2:149).

Aínda así, un vello tratante comentábanos que, se o comprador non trouxo a súa, deixan levar tamén a corda, pero que despois véñena devolver a casa; noutro momento díxonos que cando vendía unha vaca para carne *eu póñolle a corda ó pescozo ó comprador e lévaa como estea* (Ctel1). Outros informantes coinciden en describir que, unha vez acordado o prezo, entregan vaca e corda: *Feito, responde o vendedor pasándolle a corda que prende a cuxa* (LCA3).

Sabemos tamén que cando se vende ou merca algún animal, non se debe dici-la conta xusta, para non perde-la boa sorte (Mondo4:181).

---

53 Rois:77. Recollida en Bralo (Aguasantas, Rois, A Coruña). Sinálase que *o tesouriño* é o pucho (lémbrese a escultura de Asorey titulada *O tesouro* e que representa unha muller cun becerro no colo).

54 Coto2:93.

55 SCHU1/2/286, SCHU4/2/887. No texto: *ghard'o, ghard'as, qu'andan*.

56 SCHU1/2/283, SCHU4/2/886. No texto: *ghard'o, ghárdam'a miña, qu'está*.

57 LimiaB:141. Xaquín Lorenzo dáno-la seguinte explicación: *Refírese á situación respectiva de duas ermidas adicadas a estes Santos na parroquia de Manín. É curioso o troque de Santa Eufemia por Santa María da Cabeza, muller de San Isidro, espricable pola intensa devoción que nesta terra se ten á pirmeira, cuio corpo apareceu na raia, na serra que leva o seu nome e a cuio pé se atopa a parroquia de Manín*. No índice toponímico engade: *San Salvador de Manín ou Trasportela é parroquia do concello de Lovios. Aséntase ao pé do monte de Santa Eufemia, na serra do Xurés*.
Sobradamente coñecida é a lenda de san Sidro, labrego madrileño do século XI, ó que viñan substituí-los anxos no arado cando el tiña que parar para rezar. Pola súa banda, a relación de santa Eufemia, que fora martirizada e enterrada en Portugal, co gando explícase porque o seu corpo foi colocado sobre un carro de bois para que estes decidisen o lugar da construción da igrexa en honor seu, e así chegou ata as inmediacións de Ourense (XFR2:255 e 484).

58 DBP:1913. No texto: *qu'andas*.

59 JPBII:291.18. No texto: *anda n-o monte c'o gando, andall'o*. Refírese a San Vicente: parroquia de Elviña, próxima á Coruña.

Cando mercaban unha vaca e a metían na corte, sempre o facían coa vaca de cu (tamén o fan cos porcos) (Arc1, Cam1 [60]). En Erbecedo (Coristanco), tiraban a gorra cara atrás, postos de costas á corte, antes de que a vaca entrase por primeira vez.

En Paradela é costume recoller unha botella de auga bendita na misa do sábado santo para bendicir con ela a casa e mailo gando (Parade.:184). Antes botábaselles tamén auga bendita ós animais que se mercaban antes de metelos na corte (Loures.:86).

12.1.5. Crenzas e ritos das enfermidades do gando

No capítulo 8, dedicado á *Patoloxía*, fomos recollendo as distintas etioloxías atribuídas popularmente ás diferentes enfermidades do gando e os distintos tratamentos tradicionais utilizados por labregos e menciñeiros contra elas, como preventivos ou curativos, moitos deles adornados de elementos máxicos que entrarían perfectamente nesta epígrafe de crenzas erróneas e supersticións. Para non aburri-lo lector, decidimos non repetilos aquí pero o lector interesado poderá consultalos completando a información que damos para cada enfermidade.

En calquera caso, citaremos a continuación aqueles remedios que non se refiren a ningunha patoloxía concreta senón a un estado de enfermidade xeral, indefinido, posiblemente relacionado, a falta dun diagnóstico mellor, co mal de ollo.

> *Cuando **enferman los bueyes**, cuelgan de su cuello unos escapularios en cuyo interior contienen "escritos" o pegan éstos en las puertas de las casas y cuadras para preservarles de enfermedades* (VLQ:316).
>
> ***Enfermedades en general**: En Sanjenjo (Pontevedra), cuando enferma un animal, con un ajo describen cruces sobre el mismo, al mismo tiempo que la Curandera reza y amenaza a los malos espíritus parta que no lo molesten e invocando, a la vez, a los buenos, con frases casi siempre en verso. A continuación vierten agua bendita en las esquinas de la cuadra, quemando al mismo tiempo incienso, romero y azufre, y diciendo los mismos denuestos a los malos espíritus e invocaciones a los buenos. Otras veces sustituyen el ajo, por la bolsa mágica que contiene: una cruz, malvavisco, piedra del ara, incienso y ajo, es decir, todos los ingredientes necesarios para ahuyentar al demonio; esta operación la hacen una vez al día y durante tres seguidos* (VLQ:310).

No Baixo Miño disque se unha vaca queda sen leite hai que facerlle tres cruces no fociño e outras tres na croca cunha candea que alumease o Santísimo no día de Xoves Santo [61].

Como medida profiláctica para que non *entre o maio* nos animais e acusen frouxedade por estaren *amaiados*, poñen na porta da corte un ramo de xesta (VLQ:314).

A fonte santa de Belmil, en Santiso, cura as doenzas do gando [62].

Taboada Chivite cóntanos que para evitar problemas no parto colócanlles ás vacas un fragmento do ara do altar colgado dos cornos ou do pescozo (XTC3: 43).

12.1.6. Incidencia da morte da xente nos bovinos

Cando morre o cabeza de familia dunha casa, no momento de saca-lo cadáver para a igrexa botan fóra da corte o gando todo porque coidan que, se non o fan, enfermará ou morrerá. Cren que, se o gando inda está alí cando sae o defunto da casa, o morto *leva a mau del* (VLQ:316; JRL:194; ERG:facenda, ERG:defunto; EBI:107; GB2:216). Polo contrario, en Trasparga (Lugo), levan o gando diante do enterro (JRL:194; ERG:facenda); A. Fraguas ve nisto unha lembranza da antiga *loitosa*, tributo feudal que, cando morría un vasalo, a súa familia tiña que pagar ó señor e que consistía nunha cabeza de gando, ás veces a mellor da corte (AFF1:62, ERG:loitosa).

Eladio Rodríguez afirma que, cando mercan un porco e o levan para a casa, méteno pola porta da eira e nunca pola porta principal, porque é esta pola que sacan os defuntos para o cemiterio (ERG:corda). Non sabemos se recolle este costume de García Barros, pero nun dos seus *Contiños da terra*, titulado "Boa feira", este escribe o seguinte:

---

60 Tamén no Baixo Miño (EAR2).

61 EAR2.

62 VR1:275. Sinalemos, non obstante, que no completo estudo sobre esta zona que nós manexamos, *Terra de Melide*, cítase expresamente esta fonte e a súa sona de milagreira sen mencionar para nada acción algunha sobre o gando (Mel2:437-438).

Desenvolveu a corda e dóulla ó que os vendía para que os prendese e ll-os dese cóa man dereita; quitou da faltriqueira un allo, e co-il fixolle unha crus no lombo, e, feito isto, colleu e botouse a andar para casa...[...]. Chegou á casa metéunos pol-a porta da eira, pois pol-a do quinteiro non é ben, que é por onde saien os defuntos [63].

En Portugal considérase que soñar cun touro é "aviso de desgraça ou morte inminente" (DMA:312).

12.1.7. Recursos á protección dos santos: san Antón, san Roque, san Bieito, san Breixo, san Xulián, santa Mariña, Santiago

As específicas proteccións dos santos non son universais. En Inglaterra e Europa Central o protector do gando bovino e dos labregos é san Osvaldo. Na Bretaña francesa é san Cornelio. En certas zonas de Portugal (Turquel) é santa Suzana pero, segundo J. Diogo Ribeiro [64], débese á circunstancia meramente fortuíta de localizarse a gran feira do Landal preto dunha hermida desta santa. Curiosamente tamén en Compostela estaba ata hai moi poucos anos a feira do gando na carballeira de santa Susana, no couto central da Ferradura.

En Galicia o protector máis común é san Antón de xaneiro (Antón Abade) ata o punto de que na Estrada animan as xugadas invocando san Antón e, cando se lle pregunta a un de quen é o gando, por veces responden: *meu e mais de san Antón* [65]. O gando do que se ocupa san Antón é o maior, como di esta cantiga: *San Antón garda o gando, / san Xoán garda as ovellas, / santa Lucía as costureiras / que andan por casas alleas*. A importancia da gandería vese tamén neste detalle: o san Antón que protexe o gando está considerado *San Antón o verdadeiro*, mentres que o santo que coida de que as mozas encontren marido e aparezan as cousas perdidas é o san Antón de Lisboa, o do mes de san Xoán, fillo, segundo parece, de galegos emigrados a Lisboa:

San Antón o verdadeiro,
dezasete de xaneiro,
que o san Antón de san Xoán
éche Antón o mintirán. [66]

San Antón o verdadeiro
dezasete de xaneiro,
mais como o seu día é de inverno,
a súa festa lle fan
por san Antón mintireiro
día trece de san Xoán. [67]

Algúns refráns estenden a súa protección a outros animais (*San Antón padroeiro dos porcos, san Xosé dos carpinteiros e santa Lucía dos pedreiros/ santa Lucía d'albaneles e o demo dos pedreiros*), e de aí procederá, sen dúbida, a tradición de cria-lo rancho de san Antón entre tódolos veciños dun lugar. Tamén coida das ovellas (*San Antón garda as ovellas, unhas túas, outras alleas*) e da facenda en xeral, e resulta avogoso contra riscos e perigos para a xente: *San Antón, que o meu corpo non sexa firido nin morto* (VLLM:2,891).

Por terras de Lalín contan que se unha persoa ten *mala vista* ou pensa que a ten, cando vai ver unha vaca ou outro animal, para non facerlle mal di, antes de entrar a vela: *San Antonio a ampare* [68]. ¡*San Antonio*! dise en Caritel, cando espirra o gando; pero, se espirra unha persoa, dise ¡*Santiño*!

Cando se acaba de toma-lo leite da vaca debe dicirse: *Garde a vaca san Antón e o xatiño que mamou* (VLLM:1,142) ou ben *San Antonho garde a vaca*, ó que a cociñeira resposta: *e ó becerro que a mamou* (Raiaseca:57).

No século XVIII os veciños de Mira (Zas) ofrecían a san Roque gando bovino, como nos testemuña o Libro da Confraría de San Roque de Mira no ano 1717.

---

63 GB1:21. O conto refírese á compra de dous porquiños na feira. No texto *dóulla, ll-os, co-il* e *pol-a.*

64 *Turquel Folclórico*. Espozende 1928; II, 12-13.

65 VR1: 340.

66 Ou *que o do trece de san Xoán é san Antón o brixeiro*.

67 VLLM:2,892. Recólleo en Viveiro de A. L. Parapar.

68 Información proporcionada polo sancristán de Goiás, Lalín (VR3:77).

Mas se le hace cargo [ó mordomo] de un almallo que ofreció al santo Juan Peres das Pereiras de la fra. de Lamas; se me dio quatro de una baca con un ternero; y Gregorio Basques de Cuns me dio quarto de un ternero color Bermello; ttomé de Vilariño desta fra. de mira ofrecio un quarto de un ternero color bermello, y franco do monte de Sta. Maria de Gandara metad de una ternera amarela de color y todos los quales dichos presentes aqui mensionados ofrecidos al santo [69].

En Castrelos (Cambados, Pontevedra) recolleron o seguinte conto [70]:

Unha vez un home foi á praia da Lanzada, meteuse no medio dos cons e, como non se dou conta de que subía a marea, quedoulle a cabeza no medio dos cons, porque o apretaban os mexillóns que inchan ó enche-lo mar.

Entón viu que morría afogado e dixo: *San Benito, se me sacas de aquí douche a mellor vaca que teño na corte*.

E saíu, pero cando estaba fóra dixo: *Ai, San Benito, ¡traballas polo interese!, pois agora non cha dou, que é miña*.

De casos coma este temos recollido en Moraña diversas experiencias que a xente interpreta como vinganzas do santo: chegar á casa e atopar morto nun pozo ou gravemente ferido o animal prometido ó San Bieito de Lérez pero substituído realmente por outro de calidade algo inferior (Grixó). Este concepto da vinganza celestial xa se documenta na mitoloxía grega (véxase 13.2.2.3.1.).

San Antonio e o touro [71]

Tamén era unha vez un home que tiña unha vaca, e púxose mala, e a vaca estaba pa parir, entonces pois ofreceuse a San Antonio que lle salvara a vaca. Que se lle morría, se lle morría a vaca, e que lle daba o touriño ó San Antonio, se non lle morría a vaca que lle daba o touriño a San Antonio. E resulta que...bueno, a vaca sanou e cando pariu pois crioulle o touriño e cando valía levoullo ó San Antonio, o touriño era moi bonito, e levoullo á iglesia, e díxolle:

-*Bueno, San Antonio, aquí che traio o touriño*.

Pero, o San Antonio non, non lle facía caso ningún, claro.

E entón, dixo el:

-*Bueno, pois se...Aquí o teis, aquí o teis*.

E como a miraba, como San Antonio, claro, como era de pau e non lle facía caso ningún, agharrou e dixo:

-*Bueno pois...aquí che queda, eu pa casa non o levo, ofrecincho, aghora ... aquí che queda*.

E atoullo cunha cordiña á man, e entonces, claro, el botou un ... botou a andar pola porta pa fóra, i o touriño [72] así que se mirou solo pois botou tamén a andar detrás do home e entonces traía o San Antonio arrastro. I o home, claro, sentía un ruído, mirou p'atrás e mirou que viña o touro a correr i o San Antonio detrás del e díxolle el:

-*Carallo, San Antonio, que roghado te facías que non o querías, pero aghora ben que corres detrás del*.

Na Limia disque se se reza o responso a San Antón, póñenselle ó lobo os dentes de cera e xa non poden trabar, nin no gando nin na xente. En calquera caso, parece que o lobo non sempre é perigoso, xa que se alimenta de terra durante tres días, de aire durante outros tres e de carne tres días máis, e só ataca neste último período (Lim6:700). Ver no capítulo 9.12. *O lobo*, as oracións a San Antonio e os ensalmos utilizados para protexe-lo gando contra o ataque do lobo.

---

69 *Cofradía de S. Roque de Mira*, 1705-1708, f. 45, a. (XMLS:558-559).

70 Castre:90. Engade que hai outro conto semellante no que o home promete darlle ó santo os percebes que está recollendo.

71 ECP. Informante: Olga Martínez Rodríguez, ama de casa, 48 anos, de Parderrubias; recollido por Raquel Martínez Martínez, I.F.P. Francisco Sánchez, Tui.

72 No texto: *i-o toruiño*, como máis adiante *i-o home*, *i-o San Antonio*.

Polas constitucións sinodais sabemos que os gandeiros galegos bendicían a herba que lle daban ó gando. Dado que tal facían en días certos (san Brais, san Xoán etc.) posiblemente se trate non da herba en xeral senón de herbas medicinais que con este rito paralitúrxico aumentarían a súa eficacia terapéutica. O dato é da diocese de Ourense do ano 1544 [73].

Pensado recolle unha lenda que asegura que o lobo non se achega á igrexa do apóstolo Santiago, co que este sería outro protector do gando. A lenda procedente de Bragança [74]:

> *Una vez un lobo le comió (ó apóstolo Santiago) una de las vacas que tenía para acarreo de materiales para la catedral, y por ello castigó al lobo a servir de pareja de la otra vaca, uncido al carro, durante siete años, hasta que terminó la construcción del templo. Después de acabado, dejó en libertad al animal, y éste huyó tan aprisa que no paró en siete leguas, y desde entonces no se ha vuelto a ver un lobo en siete leguas a la redonda de su iglesia.*

A moza que non cumpriu a promesa [75]

Elia de Pacios era unha muller nova, pero tiña un mal de peito que ía dar con ela á tumba. Xa a visitaran máis de media ducia de doutores e ningún lle dera co mal. Coa morte petando na porta, pediu axuda á Virgen de los Dolores, a derradeira esperanza:

—*Se me curas esta doenza, eu prométoche unha touca pó día da procesión.*

A virxe, que daquela facía moitos milagres, atendeu á pregaria da moza, e sandou de alí a pouco tempo. Elia comezou a tecer día e noite porque quedaba pouco pá festa, e traballaba arreo.

Unha noite que estaba moi cansada de traballar, quedou durmida enriba da touca. E sentiu como alguén a chamaba, ergueu a cabeza e viu un mozo moi fino que levaba unha gaita embaixo do brazo. E comezou a tocar nela.

Elia seguíuno hasta a eira. E alí había un boi ben mantido e moi lucido que levaba enriba un manto moi bonito, como os que venden na feira de Outeiro de Rei, ¿sabes?

Coa muiñeira de Chantada, o mozo convidou a Elia a subir ó boi e ela sentouse riba do manto.

—*¿Onde queres ir?* —dixo el.

—*Sempre soñei con ve-las Indias* —díxolle ela.

O boi deu uns pasos e logo deu un chimpo e nun segundiño estaban na India.

E despois, Elia pediulle ó mozo que a levase ó entroido de Río, do que tanto lle falara o Nicolás de Poteiro dende que viñera de Brasil de visitar á irmá. E sen máis, Elia sentiu unha calor que a abafaba e viu moitas mozas bailando ó son de músicas estrañas.

Ó ver de cerca unha das bailarinas que levaba a cabeza cuberta cunha tea, veulle á cabeza a touca que estaba a tecer e dixo que quería volver

Pero ó chegar, a festa da Virgen xa acabara. Volveulle o mal de peito e os días da súa vida contáronse cos dedos dunha man.

¡Sabes! Hai quen di que o demo sabe toca-la gaita.

As bombas de Santa Mariña [76]

¡Cantas bombas se óen, nin que fora a Santa Mariña!

Así era, así dicíase no amplo val da Ulla, de Ledesma, e en toda a bisbarra.

Tardei en decatarme do que acontecía, ata que me acrararon que a santa tiña que ver coa xestación das vacas… entón a cousa cambeaba.

Dende a mañanciña ouvíanse decote os foguetes onda a igrexa de Santa Mariña do Concello de Boqueixón. A calquera lle extrañaba que estivesen botando bombas todo o día e además que non seguisen un orde ben coñecido nas nosas festas; non tiñan que ver coa alba, cando se alza, ou nas procesións, aquí son bombas case que todo o día sen descanso.

---

[73] *En el dia de nuestra Señora de la Candelaria se bendeziran las candelas en todas las parrochias. E los dias que tienen en devocion de bendezir las yervas para dar a los animales, assi como el dia de San Blas y el dia de San Johan, etc., se bendigan; e las otras buenas costumbres que en las yglesias se usan por algun bien de los parrochianos e alabança de Dios se pueden usar y exercitar en todo tiempo* (AGG:246).

[74] JLPT5.

[75] CNC:445. Recollido en Merza-Silleda, Pontevedra, de Félix Montoto Carreiro, de 84 anos de idade en 1998.

[76] MRP:22-24.

-*Pois non sei porque se extraña*, díxome un veciño; *calquer labrego ofrécelle unha ducia de bombas á Santa Mariña se é que a vaca lle queda preñada.*

-*Entón moitas quedan*, díxenlle.

-*Teña en conta que só llas botan cando lle empreñan*, e eu matinaba que se trataba dun caso de mediciña popular referida ós animais, sen chegar a saber como xurdeu a costume.

Pasado tempo cadroume de ir por alí un 18 de xullo e no camiño encontrei cun amigo que iba coas bombas ó lombo, inviteino a subir ó coche e seguimos mentras me contaba que a oferta fora da súa muller (el non creía neso) e que para o caso que a vaca levaba anos indo ó boi e nin ren.

Chegados onda a igrexa, baixamos do coche e o meu amigo encontrou cun compadre que tamén viña coas bombas e contoulle que a súa vaca tampouco quedaba preñada, logo preguntou:

-*¿E a tua de quen quedou preñada, do boi, ou do veterinario?* A pregunta sigue en pé dende que veu a inseiminación artificial.

O caso é que Manuela do Quinto foi coas bombas, toda leda, e botoullas un amigo mentras lle rezaba á Santa.

Dalí a un mes a vaca abortou. Encabuxada e alporizada quedou rabeando:

-*Debía haber un seguro para estos casos*, repetía.

O tratante de Trabadelo [77]

Dende que o home é home, poucos foron os mortais que atopándose en peligro non se encomendaran ó seu [78] dios protector.

Entre o campesiños resulta, por antonomasia, San Antonio o santo máis invocado polos creentes; e gastan máis das veces con el tal familiaridade, que parecera que tan falando co amigo de toda a vida.

Nun pobo do Bierzo, Trabadelo pra máis señas, vivía un labrador que alternaba o seu traballo co oficio de tratante de gado. Os viaxes máis a feito botábaos a terras galegas, de menudo por monte aberto, e sempre provido do seu sombreiro e caiada, e acompañado polo seu inseparable cabalo.

Eilí dunha vez, que regresaba cunha parexa de bois, avantou de noite sen darse conta mentres atravesaba unha serra. E cando esto sucedía, a compañía de lobos de gana era frecuente, motivo polo que o noso home se dirixiu a San Antonio nos seguintes termos:

-*San Antonio, has de ter que acompañarme deica Trabadelo. É de noite e o paso resulta peligroso.*

Siguíu o camiño sen contratempos e ó chegar ó alto de Pradela, dende o que se avista xa Trabadelo, pareceulle ó tratante que o risco desaparecera e que o arrimo [79] do Santo non lle facía xa falta, polo que lle dixo:

-*Boeno, San Antonio: xa podes da-la volta, que como quen dice tou na casa.*

Nesto, esparabántase o animal e o bon do home deu cos seus ósos [80] na terra.

-*Perdoa, home, perdoa* -confesou temeroso ó Santo-, *ven comigo logo hastra a porta da casa.*

12.1.8. Forzas estrañas

12.1.8.1. O meigallo e o mal de ollo

En los animales, pues, como en los hombres, el mal de ojo ejerce su maligno influjo: muertes, enfermedades, desgracias, etc. Las vacas se quedan sin leche y aparece ésta en cuajarones en las vigas del establo (XTC3:54).

[77] Bierzo2:72.

[78] No texto: *o seu*.

[79] No texto: *arimo*.

[80] No texto: *osos*.

La estancia nocturna en una finca (de las brujas) es para hacer un daño usando el excremento de las vacas o bueyes y rodeando el marco de la finca buscando, a lo mejor, la muerte de la yunta de bueyes del propietario del agro (AFF1:69).

Diz-se que o boi livra das bruxas quem vai na sua companhia [...] No 'Auto das Fadas' Gil Vicente alude ao facto de a feiticeira adorar o rabo de boi (DMA:303).

É moi común a crenza de que por veces as enfermidades do gando proceden de que algún veciño que lle quere mal ó dono e para amolalo bótalle o *mal de ollo* ó seu gando. Dada a importancia da vaca no desenvolvemento económico dunha casa, a envexa dos veciños diríxese usualmente contra elas. Todo comportamento estraño, como enfurecerse, amoscar, non querer andar, non querer *encaldar* (comer), dar pouco leite ou dalo sanguinolento (ve-lo dito ó falar do costro sanguinolento no capítulo 8.7.4. *Patoloxía*), ou se a vaca enferma, aborta, non empreña, maltrata o becerro etc., todo iso aviva a idea do campesiño dunha relación veciñal hostil, apunta a un veciño que ten envexa del e que lle botou a ollada ó seu gando (CLT:119).

Na Raia Seca dise que as bruxas teñen poder para converte-lo leite en sangue, xa que cando unha persoa está *muxindo* e por descuido deixou a porta do curral aberta, se por casualidade nese momento pasa unha delas por diante da porta, pode botar *mal de ollo* e facer que o leite se converta en sangue (Raiaseca:188). Para recoñece-las bruxas mesmo se utilizaba un rito: mollaban en leite unha estriga de liño e logo arrastrillábana, desta maneira para o día seguinte tódalas bruxas quedaban ó descuberto, pois cando ían á misa aparecían con toda a cara arrabuñada (Raiaseca:190).

Rafael Silva transmíteno-la seguinte información [81]:

Téñense conocido varias personas de mala vista, e entre elas un señor que era tanta a forza da vista que tiña que andar con lentes pra acortar a vista e usando cristales dobles, non podía mirar de frente pra ningún ser viviente porque do contrario mataba aquil ser pra que miraba. Algunha cabeza de ganado, como foi unha becerra d'un veciño d'iste pueblo que era mui bonita e como lle gustaba tanto, mirou pra ela e caíu morta, pero il como era rico abonoulle a becerra ô dono d'ela, solo que il tiña moito cuidado de non mirar de frente pra nadie.

Os eloxios alleos poden levar implícito o mal de ollo, por iso, entre as defensas profilácticas, está esta de Piñor de Cea (Ourense): cando calquera persoa lle di a un pastor que o seu gando está moi bo, van de contado cuspir nel, por se esa persoa tivese o poder de bota-lo mal de ollo (VR3:74 [82]).

Das consecuencias no gando do mal de ollo, voluntario ou inocente, recolle Risco o exemplo dunha vella de Cambeo (Coles, Ourense) á que lle chamaban *Tía Farrucha*:

...iba unha vez a tía María a Pequena ó monte cos porcos, e atopóu á tía Farrucha que lle dixo:
-Que bós marrauquiños levas!
-Levo, Dios mos garde!; respondeu a tía María
E ó chegar ó monte, morreulle un e na casa os demais.
Outra vez volvéronse a atopar as dúas mulleres e a tía Farrucha díxolle á tía María
-Levas bôs bois á arada.
-Tamén levo boa vara pra picalos (VR1:469).

En VR3:73 conta o mesmo conto pero engade que, ó mirar ela para a vara, esta partiu en dous anacos.

A meiga e a becerra [83]

Un home saíu un día de feira cunha becerra presa e unha vaca vella, era de madrugada e iban andando coa becerra e mais coa vaca, xa que daquela non había coches nin camiós, e pasou por onda eles unha meiga e díxolles:

-*¡Ai que becerra tan boa vas vender!*

[81] Velle2:175. Recollido en Velle, parroquia do concello de Ourense.

[82] Risco engade que esta crenza de que un eloxio pode ser en realidade unha expresión de envexa pode observarse tamén en Córsega, no Norte de África e no Próximo Oriente.

[83] XPP:150-151. Recollido en Cebral, Augas Santas, Palas de Rei.

De alí a un pouco a becerra deitouse no chan e non andaba, non había maneira de facela andar, entón o dono da becerra e mais da vaca, que xa sabía que a outra era meiga foina buscar e díxolle:

-*Mira, venme levantar a becerra, que senón mátote*.

Ela foi e díxolle:

-*Ergue axiña, ergue*.

I a becerra [84] levantouse coma se nada, e alá [foron] para a feira onde se venderon marabillosamente.

A meiga que parou os bois [85]

Unha vez andaba un home arando, con dous bois, e cheghou unha muller por alí e díxolle:

-*Para os bois*.

E díxolle o home:

-¿*Por que ti me mandas parar os bois*?

-*Porque che mando que os pares, se non os paras polas boas, pároos* [86] *polas malas*.

I o home [87] dixo:

-¡*Vente boi, ve*!

-¡*Hop!* -dixo a muller-, *¡hop!*

I os bois [88] plantaron e non, e non andaban máis, e tivo que o home poñerse de rodillas e pedirlle perdón á muller, porque a muller era meigha.

María a Bruxa [89]

Había unha muller que lle chamaban María a Bruxa porque botaba o mal de ollo.

Eu tiña unha vaca que acababa de parir e veu María a busca-lo leite. E díxenlle eu:

—Hoxe non cho podo dar porque o leite que ten faille falta.

Entón dixo ela:

—¡Ai si! Pois entonces xa non has de ter leite para máis nada.

Eu non lle fixen moito caso, e cando a quixen muxir a vaca non daba leite.

—¡Ai que carallo!

Entón chamei ó veterinario e díxenlle:

—Mire, faga o favor, xa que está aquí míreme a vaca que non dá leite.

—¡Ai, señora! Pois a vaca está ben —dixo o veterinario.

—¡Ai, Jesús!, non sei que vou facer.

Así que falei coa miña veciña, e díxome:

—¡Muller, lévaa alí á Pachiqueira [90] *de Panxón!*

Agarrei a vaca e alá fomos a Panxón. Cando chegamos díxome a muller:

—A vaca estalle embruxada, cando chegues á casa vas xunto desa muller e dislle, "Mira, cando ti queiras podes vir busca-lo leite, que agora xa ten".

Así que fun xunto dela e díxenlle:

—María, xa podes vir busca-lo leite.

E cando María viu, fun muxi-la vaca. ¡Rapaciña! ¡A vaca xa daba leite! "¡Malo raio te parta, centella! ¡É porque ese carallo é unha bruxa, unha bruxa!". E foiche así como cho digo.

---

84 No texto: *I-a becerra*.

85 XPP:154. Recollido en Fonte da Uz, Merlán, Palas de Rei.

86 No texto: *párolos*.

87 No texto: *I-o home*.

88 No texto: *I-os bois*.

89 CNC:214-215. Recollido en Panxón, Nigrán, Pontevedra, de Nieves Castro Rodríguez, de 74 anos de idade en 1997.

90 *Pachiqueira* é nome que designa unha muller que realiza este tipo de ensalmos e cerimonias máxicas. Coma no caso do *pastequeiros,* probablemente o nome procede da fórmula con que na misa en latín os sacerdotes se dan a paz no altar (*¡pax tecum!* "que a paz sexa contigo"), coa peculiaridade de que o grupo consonántico que está na base, *paxtecum,* evoluíu a **pastecum* pero aquí ten a evolución normal en galego (*st* + vogal > *ch*) e así nacería **pachequeiro* > *pachiqueiro / pachiqueira* do mesmo xeito que *amasti* > *amaches, bestia* > *bicha.*

Meigallo ás vacas [91]

A abuela ou bisabuela da muller de Amador, andaba pidindo, eso foi verdá, e chegou alí pidir, que lle deran unha taza de leite, á casa de, do meu primo (San Cibrao), que había unha caseta pequena del:

-Home, teño pouco leite, eee...

Pero deu a volta, non llo quixeron dare, claro que non llo quixeron dar, non llo deron, deu a volta e empezan as vacas a patadas, a patadas, sendo que na casa eran mansas; chegou o meu ascendiente, meu bisabuelo sería, si, non sei como se chamaba ela, Manuela, paréceme, ¿e que pasou?, ¡ai meu fillo!, veu aquí á casa, i ahora [92] as vacas non están quietas, e tal e que sei eu, ¿e por onde vai?

Colleuna no agro da Ulloa; eso foiche verdá. E cando o viu vir, dixo:

-Ai Ánxel, Ánxel, ai non veñas, non veñas, vólvete pá casa que xa están quietas.

Viña pa as matare. E ó volver xa estaban as vacas outra vez quietas. Daquela meigallo habíao.

Mal ollo [93]

Viña un home cunha vaca da leira [94], e no camiño [95] atopou a unha muller [96], a cal non dixo como era de costume, '*San Antoño a defenda*', nin tampouco quixo decilo, ainda que llo mandaron [97].

Ó chegar á casa [98] a vaca, caeu deitada na corte, coma morta; i estoncias [99], coidando que fora polo mal de ollo da muller [100], colleron unha corda de sedas e con ela puxéronse a zoupar no lume.

De alí a un anaco [101], chegou [102] a muller e toda anotada, dixo:

- ¡Ai, por Dios!, non zoupen, ¡non zoupen!, que a vaca [103] poñerase ben.

Deixaron de zoupar, i a vaca [104], de súpeto, ergueuse sana e salva, bruando.

En Louredo (Marín) cóntase o caso dunha muller que botou a ollada a unha xugada de vacas que ía turrando dun carro e unha delas deu un brinco e pasou ó outro lado por riba da outra vaca:

Ollada a animales [105]

Aquela vez que fóramos nos a buscar aquel, aquel..., aquel verdello á plaia, diso... pois o detalle que nos pasara coa vaca, pois él tamén, él tamén lle dixo unhas palabras [106], pero detalle como él jamás mirei. Aprendeulle ela, e viñamos pa riba, alá no P., viñamos a dar a volta, disque aquí que non había abono, porque se facía pouco abono e iso, e fora eu a pañar a lo menos 5 ou 6 carros que había moitísimo bocho e diso, e paniño alí, onde a Iglesia, de Placeres. Pañeino palí pa avenida, poro ferrocarril e dispois traíamos o carro cargado e viñamos todo por alá polo P., un carro con duas vacas, ¡pasa unha muller por nos...! Dígoche que unha cousa increible, aquilo si que foi increible porque a mín cóntanmo e no creo ni

---

91 XPP:162. Recollido en Sambreixo, Palas de Rei.

92 No texto: *i-ahora*.

93 Mondo4:179-180.

94 No texto: *c'unha vaca d'a leira.*

95 No texto: *n-o camiño*. Tamén no resto do texto: *n-a corte, n-o lume*.

96 No texto: *ônha muller*.

97 No texto: *ll'o mandaron*.

98 No texto: *Ô chegar â casa.*

99 No texto: *y-estoncias*.

100 No texto: *pol-o mal d'ollo d'a muller.*

101 No texto: *D'alí ôn anaco.*

102 No texto: *chegóu*.

103 No texto: *qu'a vaca*.

104 No texto: *y-a vaca*.

105 EBI:80. Reproducímo-la ortografía orixinal do autor.

106 No texto explica que *se está refiriendo a un familiar, F., que escribió en una libreta unas palabras que le habían aprendido para sacar la 'ollada' a animales.*

anque me chova así po-los ollos. Conforme pasamos por aquela muller, traíamos unha vaca e mais unha xuvenca (tirando del carro). A xuvenca era moi bonita, era unha pinta que tiñamos, feita, bonita, bonita. Oies, conforme pasou así por nos mirou para a vaca, para a xuvenca, conforme dou un pincho: ¡bumba!, pasouse po-lo lado da outra. Tí fíjate, co carro cargado pasouse po-lo lado da outra, sin romper cancil, sin romper carro, nin nada. Unha cousa como si che digo... unha cousa imposible, imposible, imposible, e pasouse palí aquelas vacas pro mismo xeito do xugo e sin romper nada esí, retorceuse e pumba, poro outro lado. *¡Hai, mimadriña!*, empecei a gritar. *Aquel animaliño alí. ¡Hai que nos morre!*. Xuntouse a xente xa así a montes. Non podíamos quitala, nin a vaca, nin quitamos nada. Oies, cóllese o difunto, quitou a gorra, empezou a decirlle as palabras que tiña apuntadas e empezoulle esí a decir, a decir. ¡*Nada, nada... traer un serrucho para lle serrar o cancil!,* decía a xente, que esta... *Non fai falta nada.* Colleu o difunto, empezou a decirlle aquelas palabras, vaise o animal... ¡pum!, po outro sitio. Pin pon, pin pon, hasta a casa. Dígoche que eu asombradiña. Cando chegou aquí decía: *¡Arrenégote bruja al infierno, nunca me pasou cousa como ela! ¡Brujas as de Marín de Arriba, todas son unhas brujas, brujas, brujas... brujas as de Marín de Arriba!*

Xuntouse a xente alí a barrer, pero todo o mundo quedaba parviño co misterio aquel, hasta os coches pararon a mirar o detalle de conforme estaba aquela vaca sin se lastimar, sin se aforcar, sin se... eu non sei que maneira se pasou aquela vaca pro lado da outra... ¡blum!. Xa sabes que o carro de duas vacas que trae o cabezal, pois saltou, ¡pumba!, co brinco foise para, pra, dentro da outra, sin romper o aquel e dispois empezoulle él co-as palabras que lle dixo esa muller. O animal así retorcidiño conforme estaba todo esí cos ollos fora ... ¡plum! ... de alí a cinco minutos dou otra volta e veuse po sitio dela. Despois hasta casa.

Falando do mal de ollo, presta le-los versos de Ramón Cabanillas *Mal de ollo* (16.1.).

En Asturias, para saber se unha vaca está *agüeyada* (é dicir, se ten o mal de ollo), lévase a un meigo un obxecto que use o animal (a choca, o colar, a cadea, un pouco de pelo, adoito do rabo) que se coloca xunto a un recipiente con auga na que se bota un corno que teñen a tal efecto. Se ó cae-lo corno produce *güeyos* (ollos, burbullas), é que a vaca está *agüeyada*. Outros enchen o corno coa auga e deixan caer esta suavemente sobre a que quedou no recipiente, observando se produce ou non os devanditos *güeyos* (LC:294).

12.1.8.2. Profilaxe

Non hai aínda moito tempo estaba activo un complexo sistema de crenzas máxicas, case sempre de tipo profiláctico, para protexe-lo gando destas imprecisas pero efectivas influencias maléficas que se engloban baixo o mal de ollo. De feito, e a xulgar pola contemporeidade dos datos que recollimos, tales prácticas estaban vivas aínda no último terzo do século XX.

Ritos con allo, sal, pan, cintas, paxaros, pelos, roupa

Existen numerosos métodos para previ-lo mal de ollo, tanto na forma de amuletos como de fórmulas, ensalmos ou operacións protectoras. Risco (VR3:79) recolle unha chea delas, das que citarémo-las que a nós nos interesan: face-lo sinal da cruz sobre a cabeza ou no lombo da vaca (San Salvador de Vilasante, Lugo), trazar sobre a cabeza da res o risco de Salomón [107] (Ourense) ou muxi-las vacas onde ninguén poida velo (San Miguel de Berredo, Celanova, Ourense).

Úsase sobre todo o allo e o sal. Nuns casos refréganlle o lombo cun allo esmagado para que a vaca saia boa (Camb1:52, Mel2:448). Cos allos tamén se fan unhas cruces no lombo e no ubre (Arc1) ou no lombo, na testa, nas puntas dos cornos e, finalmente, o dono facía unha última cruz na súa fronte (Cam1). Coñecemos prácticas semellantes para resgarda-los porcos do meigallo.

Outras veces botan unha manchea de sal polo seu lombo (Arc1, Cam1). Por Cambeses (Portugal), cando se leva unha becerra, vaca, porco etc., á feira, bótanlle tres veces sal, en cruz, coa man dereita ó correr do lombo do animal, comezando pola cabeza, e dicindo [108]:

---

[107] Trátase da *Pentalfa*, unha estrela de cinco puntas debuxada dun só trazo, sen levanta-la man e que equivale á superposición de cinco alfas (as maiúsculos). O mesmo Risco recolle o significado protector fronte a *todalas influencias malignas* do risco de Salomón, presente, según di, *nas pedras antigas das eirexas, ben como signo lapidario dos canteiros medievás, ben con outro significado, e hoxe en varios obxetos, especialmente nos xugos dos bois* (VR1:476). Segundo Cámara Cascudo, a *pentalfa* pode verse en Portugal con frecuencia sobre as portas das casas, proas dos barcos, instrumentos de caza e pesca así como nos xugos.

[108] Raiaseca:198.

Três te viram,
três te tomaram,
malditos olhos
que para ti olharam.

E en Vilar engaden:

Quebrados eles sejam
quando te mirarem.
Tudo me ensinaram
que eu nada sabía.

E esta:

Sal salgado,
que no mar fostes criado
sem ser visto nem lembrado,
corre a má vista e o mau-olhado,
arreda as vinganças.
Pelo poder de Deus e do Espírito Santo.

Outros remedios contra o meigallo son: atarlle á vaca unha cinta vermella no rabo ou no corno, formando unha cruz (Ctel10), colgarlle un escapulario da cabeza, no que se pon, entre varios lenzos, unha *reliquia* (Arc1, VLQ:314), ou este, que recolle Bernardo Barreiro [109], para consegui-la docilidade e enerxía da vaca na labranza:

> *En 1602, un Juan Asturiano, de Villamayor del Valle, fué delatado al inquisidor Gamarra, con testimonio de que para hacer arar una vaca, tomó una candela bendita y varios ramos de laurel y de oliva benditos, haciendo de ellos cruces y llevando la candela ardiendo con agua bendita a un aposento retirado, y permaneciendo allí a solas un cuarto de hora, y habiendo salido a este término, echó las gotas de cera en el agua y después ató una de las cruces a la cola de la vaca, y mandó que no se la quitasen, porque de allí adelante había de arar muy bien con ella.*

Antón Fraguas recolle o emprego do carrizo para elimina-lo mal de ollo que poida prexudicar á xente ou ó gando. Para conseguilo débese cazar un carrizo e levalo á casa para pasalo, facendo unha cruz, sobre as persoas e os animais que se queren protexer. Finalmente, sóltase o paxaro para que volva, levando o mal, ó seu niño. Engade que hai casos nos que o carrizo morre ó rematar de pasalo sobre os animais [110].

Tamén parece ser eficaz o uso de diferentes prendas de vestir, sempre masculinas, como recollen asimesmo Fraguas e Rodríguez Cruz:

> *Para saber qué persona le hizo daño, que a lo mejor dejó de dar leche o la da pero muy sanguinolenta, se usa el procedimiento de la ropa interior de un hombre. Se le coloca un calzoncillo, de un hombre de la casa, en los cuernos, metidos por las dos astas y se suelta el animal que saldrá corriendo y se detendrá en la casa, cuadra o corral de la persona que, por ser bruja, le echó el tremendo mal de embrujo. Es muy socorrido el empleo de las prendas de hombre para combatir el mal de un animal, que se presenta momentáneo, negarse a continuar en la yunta del arado o negarse a salir con el carro de un camino. En este caso, el hombre echa la 'faldra' de la camisa fuera y pasa sobre el animal el sombrero o la gorra, tirándolo hacia atrás y dejándolo en el suelo durante algún tiempo, porque si se lo pone pasa el mal a la cabeza del hombre, que suele ser una envidia producida por una mirada de una bruja* (AFF1:71).

[109] Taboada Chivite (Ver7:296) cita a BARREIRO DE W., B.: *Brujas y astrólogos de la Inquisición de Galicia*, Imp. de 'La Voz de Galicia', La Coruña, 1885, 19.

[110] AFF1:94. Non dá máis explicacións, deixando entrever que a súa morte se deba a ter recollido o *mal*. Parécenos máis probable que se deba, simplemente, á tensión que sufra tras semellante manipulación, causa de morte comprobada polos ornitólogos tras manobras menos agresivas.

Cando se pasa por xunto dunha bruxa ou alguén de mal de ollo, bótase a faldra da camisa fóra. E en Cambeses faise o mesmo xesto, pásase a boina (gorra) polos testículos e de seguido pásase tamén pola cabeza das vacas (Raiaseca:195).

Nalgúns sitios enchen un pucheiro con auga bendita e botan a cocer nela un corno e tres seixos collidos nun camiño por onde pasou o Viático e, pola noite, ó se recoller toda a xente, deixan diante da casa o pucheiro emborcado. Crese que a persoa que botou o meigallo arde, se non vén pregar que saquen o pucheiro da porta (JRL:201).

En Cambados hai quen cre que as meigas deixan na porta da corte unha guedella de pelo ou un sapoconcho [111] coa intención de que se desgracie o gando ó pasar por riba del. Para rompe-lo meigallo o dono debe mexar por riba do sapoconcho e despois botalo no lume ata que estoupe, rezando o seguinte ensalmo:

Con dúas que che pego,
con cinco espántote,
béboche o sangre
e o corazón che parto. [112]

Tamén recollido por Lis Quibén destoutro xeito:

Con una que te pego,
con otra que te espanto,
la sangre te grolo
y el corazón te parto. [113]

En Arcade, para quita-la ollada e que volva o leite á vaca, levan uns pelos do rabo a unha muller que teña poderes e ela fai o feitizo cunha Cruz de Caravaca. Tamén lle fai unha cruz na cabeza e bótalle un pouco de sal na caluga (Arc1).

En terras de Mondoñedo Lence Santar recolleu a tradición de que, cando saen as vacas a traballar, hai que lles dar un bocado de pan, para defendelas dun mal ollo (Mondo4:180).

Amuletos: bolsiñas, cordas, cruces, cornos

Eliseo Alonso recolleu no Baixo Miño os seguintes amuletos que se utilizan no gado para combate-los efectos dun posible meigallo: unha bolsa con herbas que se lle colgan ó pescozo, un dente de allo virxe, o cairo dun porco bravo, cabezas de víbora ou de lagarto, unha chave dunha porta vella ou as afamadas castañas de Indias ou *castañas das bruxas* [114].

Outro amuleto que, por Salvaterra, se lle colocaba ás vacas tralo parto consiste nunha bolsiña contendo cinco cabezas de trobisco, cinco *puntiñas* de ruda, cinco areas de sal, cinco cabezas de allo e cinco *cornos de carroucha* [115]. Con esta bolsa facían un escapulario que colgaban nun corno da vaca (Salv3). Tamén Lis Quibén cita o uso de pólas de trobisco dentro dunha bolsiña que colgan do pescozo do animal que se cre vítima do mal de ollo (VLQ:313).

Noutros lugares rodean o pescozo da vaca cunha corda de esparto coa que se atou un ramo de loureiro bendito o Domingo de Ramos. En Becerreá poñen na corda un papeliño cun *escrito* ou un cacho de chumbo (JRL:202). Na Gudiña, para previ-lo meigallo nos becerros adoitan poñerlle no pescozo un colar de corda, ás veces con nove nós; para protexe-la vaca abonda co colar da choca (Gud7: 52) [116].

---

[111] Sic: *Sapo coxo* (Camb1:121). Lémbrese tamén que existe a falsa crenza de que as tartarugas son sapos vellos que criaron cuncha, e de aí o nome, como que as cobras ó envelleceren botan ás de morcego e son quen de voar.

[112] Camb1:121. No texto: *duas.*

[113] VLQ:313.

[114] EAR2.

[115] Ignoramos que poden ser estes *cinco cornos de carroucha*, nome que se lle dá a diversas especies de queiroga ou carrasca (*Erica sp*).

[116] Nótese o recurso ó nove como numero máxico, que xa ten aparecido outras veces neste traballo e sobre o que o lector puido atopar exemplos dabondo nos tratamentos tradicionais que copiamos no capítulo de Patoloxía. *El número nueve, al contrario del número trece, pasa en Galicia por uno de los privilegiados y es, de los múltiplos de tres, el que posee mayores virtudes para las gentes aldeanas de Galicia. Esta creencia viene de muy antiguo, y está tan arraigada que su influjo se advierte en muchos aspectos de la vida campesina* (ERG:nove). Así, para que os baños minerais teñan efecto deben ser nove; a auga de nove fontes, bebida despois das doce da noite de san Xoán, ten excepcionais propiedades curativas para certas enfermidades, coma o bocio; para quedar embarazadas,

As cruces de oliveira bendita ou cruces de san Pedro Mártir, así como a cruz de Caravaca, son outros remedios empregados contra o meigallo. A cruz de san Pedro Mártir está feita dunha póliña de oliveira con tres gallas que nazan xuntas, e máis que unha cruz semella unha runa nórdica. Ás veces substitúese por unha póliña de oliveira bendita o Domingo de Ramos, aínda que non teña a forma que dicimos (VLQ:313; Mel2:431). A oliveira tense por árbore da vida e da morte, e as súas pólas *benditas el Domingo de Ramos ahuyentan el rayo y los malos espíritus de las casas y, colgados en el establo, preservan al ganado de toda clase de desgracias* (ERG:oliveira).

A cruz de oliveira, nuns sitios, ou a cruz de Caravaca, noutros, ponse na porta da corte para protexe-lo gando. Outras veces ponse nas portas das casas para protexe-la xente. En Melide empréganas contra o *gafo*, que designa as influencias máxicas ruíns [117] (Mel2:446).

En Melide é usanza porlle á vaca tralo parto e mais ó becerro unha cruz de San Pedro para que non enfermen (Mel2:374).

Eladio Rodríguez recolle o seguinte cantar co que pregoaban algunhas mulleres nas feiras e romarías a venda destes amuletos [118]:

Vendo escritos, mulleres,
baratos e benditos,
prás portas dos cortellos
e das hortas,
pra sanar os almallos
e espantar os meigallos.

Tamén di, respecto do loureiro, que *creen en nuestras aldeas que el laurel ... tiene virtudes protectoras,... y por eso cuelgan algunas ramas en los establos o cuadras para preservar el ganado de desgracias* (ERG:loureiro). Estas virtudes protectoras do loureiro sonlle atribuídas desde os tempos dos romanos e abranguen numerosos aspectos da vida cotiá [119].

Outro remedio empregado para se protexer do meigallo son os cornos (de boi ou vaca, de carneiro, de vacaloura) e, de feito, en moitas aldeas colgan un corno trala porta da corte, da casa e mesmo en tódalas ventás (JRL:202, ONS:622, VR3:82). Ó fin e ó cabo, os cornos simbolizan unha arma de defensa, xa que con eles se defenden os animais. Pola mesma razón e por evidente similitude, gozan de gran aprecio os cairos de xabaril ou de porco; mesmo se usan con esa idea protectora os esporóns do galo.

> *Para evitar que lle boten o mal de ollo, a xente usa, como preventivo, allo, cornos de vaca, de carneiro ou vacaloura, ferraduras, figa, dentes de xabarín, porque todos eses obxectos simbolizan medios de defensa: as vacas e carneiros deféndense cos cornos, tamén simbolizados polos da vacaloura. As bestas deféndense coas patas, simbolizadas pola ferradura. Os xabaríns deféndense cos dentes, tamén simbolizados polos dentes de allo. A figa é un puño, un medio de defensa nas loitas entre homes. Como medios de defensa que son ben poden defender –simbólicamente- á xente e ós animais contra o mal de ollo, e tamén contra a bruxería [120].*

---

as mulleres deben toma-las nove ondas na praia da Lanzada o último domingo de agosto (crenza estendida a outras praias galegas e outras datas); para cura-la erisipela, pasan pola cara do enfermo de unha en unha nove follas de loureiro; para cura-la ictericia hai que mexar sobre unha mata de marrubio durante nove mañáns seguidas, ou beber durante nove días un vaso de viño con nove piollos, en xexún; para cura-las belidas utilízanse nove grans de trigo en diversos lugares, noutros son 27 grans ou mesmo 10, pero neste caso tírase un ó chan o primeiro día, que é o que leva a belida, e cómense os outros nove; para curar certos aires, rézase o ensalmo correspondente nove veces seguidas ou durante nove días seguidos; para determina-la orixe do mal de aire, bótase no forno nove bicas, unha por unha, rezando de cada vez un Pai Noso e un Ave María; para que arranquen a fala-los meniños que tardan máis do debido, a madriña debe recibir nove esmolas en millo, trigo ou centeo, e con elas facer nove bolos que ten que come-lo afillado; para cura-las vixigas ou as lombrigas, bótase nun prato de freixo nove cabezas de estrugas e nove areas de sal, repetindo nove veces unha oración. Poderíamos dar moitos máis exemplos, pero cremos que con estes será suficiente. Mariño Ferro recolle tamén outros tratamentos máxicos baseados no número nove, como o empregado en Lancashire contra as febres e que consiste en ensartar nove caracois nun fío mentres se di de cada vez: *aquí dejo mi fiebre* (XRMF2:35).

[117] Tamén en Asturias. No entanto, temos como máis común este nome para denomina-la lepra, a sarna e outras enfermidades da pel, o que non quita que o nome coincida por considerar que esas influencias máxicas son a causa destas doenzas.

[118] *Muchos de nuestros aldeanos tenían tal fe en las virtudes de estos amuletos, que los pegaban en la parte posterior de las puertas de sus viviendas y de las cuadras de los animales, colgándolas, además, del cuello de los bueyes, de las vacas, y de otros ganados domésticos, cuando advertían el peligro de un ANDACIO. ... A mediados del siglo XIX, el arzobispo de Santiago prohibió la venta de estos 'escritos'* (ERG:escritos).

[119] O loureiro estaba dedicado ó deus Apolo (lémbrese a coroa de loureiro que adornaba a cabeza dos emperadores) e críase que onde medrara un loureiro non caería un raio (*Santa Bárbara bendita,/ que en cielo estás escrita,/ con laurel y agua bendita*). De feito, o loureiro nunca seca, o que o converte en símbolo da supervivencia. O fume de queimar follas de loureiro corta o aire de defunto, e convén purificarse con el á volta dun velorio. Para abenzoa-las leiras utilízanse pólas de oliveira ou pólas de loureiro, benditas no Domingo de Ramos. Por último, lémbrese o abondoso uso medicinal das follas de loureiro contra numerosas enfermidades.

[120] XRMF1:116.

Tamén servían para facer feitizos de amor. Bouza Brey [121] recolle o seguinte:

Sabugueiro da folla repinicada
...
Cocereiche con cornos de vacaloura, [122]
con fiuncho e con ruda dos arredores
da ermida feituqueira da Virxen loura
pra facer un feitizo pros meus amores.

Para Risco os cornos son signo de forza e poder, pero boa parte da súa virtude radica no feito de remataren en punta, e é crenza moi antiga que as puntas apartan ou dilúen as enerxías malignas (VR3:82). Taboada Chivite dá outra posible explicación: a semellanza dos cornos coa lúa, protectora tradicional da agricultura: *Cecáis o colgar un corno trala porta das casas con fins precautorios teña ista orixe. O corno, como xa se sabe, foi imaxe da lúa* (XTC1:102 [123]).

Os cornos da vacaloura son moi estimados contra o mal de ollo (JRL:140, JRL:201, VR3:82) e levalos sempre cun mesmo, gardados nunha bolsiña, parece evitar ser molestado polas meigas (AFF1:71, ERG:mal [124]) ou ser vítima da Santa Compaña (Mundil:133).

Non teño medo ós teus ditos
nin medo do teu meigallo
que ando cunha vacaloura
e catro dentes de allo. [125]

Copiamos a continuación un exemplo dos beneficios que pode reportar levalos no peto:

Din que pra ter sorte n-hay cousa millor que traguer un corno ou dous [de vacaloura], d'os machos. Un d'os que os traguía sempre era Pepe de Lado, d'Argomoso, que se finou rico coma un cocho, fora y-alma, y-outro, Xan Paz, de Lagoa, que tiña gado posto en máis de doce parroquias, oito greas, centos de fanegas e obrigas e cinco medas de palenque n-a y-aira [126].

Aníbal Otero define a palabra *domina* como *Bolsa con amuletos que se cuelga, mediante una cinta, del cuello de personas o animales. La que ponían a los niños, en tiempos pasados, contenía el cordón umbilical de la criatura, un diente de "allo virge" y mandíbulas de ciervo volante; su objeto era evitar que tuviesen envidia de ellos, cosa que podía traerles desgracias, y darles buena suerte. A las vacas, también para que no las envidien y les corten la leche, les ponen una dómina que lleva cinco granos de ruda que tengan, cada uno, cinco picos; el cordón umbilical de la cría, un poco de fermento y unos granos de sal, en Bueu. Nómina, amuleto, en FA. Del Lat. NOMINA.* (AO2).

Delmira Maças recolle semellante crenza en Portugal: *Os chifres encerram grande virtude: ponta de chifre (esquerdo) de boi ou carneiro preto livra do mau olhado e dá sorte ter em cima da porta uma armaçao de carneiro preto* (DMA:303).

Fogueira e orballo da noite de san Xoán

Outro grupo de remedios contra o meigallo está relacionado co fume das fogueiras da noite de San Xoán, os chamados *fumazos*. Aquí podemos ver unha asimilación entre curar alimentos co fume (carne, peixe, castañas etc.) e cura-las enfermidades. Xa vimos algún exemplo deste costume recollido por Llópiz (en 12.1.3.) en forma de refrán e por Brañas en forma de poesía, como veremos nesta epígrafe.

O remedio consiste en facer pasa-lo gando preto da fogueira producida pola leña e as herbas verdes para respira-la fumareda e conseguir así o efecto preventivo ou curativo desexado. En Cambados descríbese

---

[121] FBB:10. Fragmento da poesía *Pra facer un feitixo...*

[122] No texto: *bacaloura*.

[123] Así mesmo, recolle de Virxilio a crenza de que *a lúa sinala outros días felices pra determinadas labouras, dende plantar vides ou domar bois hasta tirar favorábeles agorios pros camiñantes* (XTC1:107).

[124] Tamén en Portugal: *Os apêndices da cabeça da vaca-loura macho, por analogia, libram do 'ar' e de feitiçaria* (DMA:303).

[125] RC:90, Castre:34, VLQ2:213. No texto: *c-unha* (RC); *dos teus ditos* (Castre); *os teus ditos, c'unha* (VLQ2).

[126] Mondo4:130.

como se facían fogueiras con pólas de sabugueiro para que os animais se libraran da peste dando voltas ó seu redor (Camb1:19). Noutros sitios tentan cura-las vacas enfermas tralo parto facéndoas correr ó redor dunha fogueira (JRL:203 [127]; ERG:mal).

Eladio Rodríguez describe así o evento [128]:

> *Consiste en bañar con humo a las reses, sobre todo las lanares, en la noche correspondiente a la víspera de San Juan (23 de junio). Se hacen para ello, de trecho en trecho, hogueras que se cubren con terrones secos, a fin de que despidan más humo; y por el espacio que media entre las LUMERADAS (hogueras) se pasa repetidas veces el ganado, y con unas grandes ramas se hace bajar el humo para que éste envuelva bien a los animales. Las gentes sencillas creen eficaz este remedio para preservar el ganado de los MEIGALLOS o maleficios de las MEIGAS, y para que, además, prospere y aumente.*

Podemos lembrar tamén aqueles versos de Alfredo Brañas "A víspora de San Xuan" (AB 22.03.1890;197) que din:

Polas cinzas do lume [129] así dispostas,
tódolos bois daquel [130] lugar pasaron,
pois ó pasar [131] curábanse nun verbo
s'estaban embruxados.

Lis Quibén recolle a práctica de veterinaria popular para cura-lo mormo do gando na que o fume é o elemento terapéutico: con leña e herbas verdes encéndese a fogueira de San Xoán *y se hace pasar el ganado a su vera para que la humareda, a la que llaman 'orballo de San Juan', les cure la enfermedad* (VLQ:54). E Taboada Chivite (XTC1:28-29) tamén testemuña esta práctica tradicional en terras de Verín.

O orballo da mañá do día de san Xoán tamén se considera benéfico para os animais:

> *El ganado se saca de las cuadras en muchas partes de Galicia para que reciban el 'orballo de San Juan', y al rocío de esta noche se expone la ropa de invierno antes de guardarla en armarios para que no la ataque la polilla* (XTC1:21). *Costumbre muy extendida en Verin (Orense), en donde recuerdo que aún no hace muchos años se practicaba* (XTC1:30).

A tradición di que este mesmo orballo fai que moitas flores e plantas adquiran virtudes medicinais e por iso se escolman ó abri-lo día.

Xa en Roma facían estes ritos purificatorios: o 21 de abril celebraban as Parilia, festas nas que se purificaba con auga o gando e mailas cortes [132].

> *Sobre las cenizas y brasas conducen al ganado para evitar el muermo, el 'andacio' o los maleficios, como en los tiempos de Ovidio: 'Per flammas saluisse pecus, saluisse colonos' [133]. En otras partes sólo se hacen girar en torno a la pira para recibir la nube purificatoria del humo, y hay lugares, como Melide, en que esto se hace al día siguiente, reencendiendo el rescoldo con hierbas diversas y pasan también personas que sufren enfermedades cutáneas [134].*

O fume tamén pode trasladarse á corte, facendo fumigacións da mesma queimando xofre (ERG:mal) e certas herbas. Nalgúns sitios queiman nunha tixola un corno de carneiro, loureiro bendito e xofre (JRL:202). Xa mencionamos anteriormente o uso das pólas de eucalipto, directamente ou queimando as follas ou os cocos, coa intención de desinfecta-las cortes do gando ou mesmo as habitacións dos enfermos.

---

[127] *Cuando enferma una vaca después del parto cuelgan de su pescuezo un pantalón de hombre con una moneda de plata en el bolsillo; mientras tanto, encienden una hoguera, a cuyo alrededor hacen andar a la vaca, aguijoneándola con una horquilla de labranza ... Mejor sería que dejasen descansar a la vaca.*

[128] ERG:*afumar*. Localiza esta práctica *especialmente en la provincia de Lugo*.

[129] No texto: *Pol-as cinzas d'o lume.*

[130] No texto: *todol-os bois d'aquel.*

[131] No texto: *ô pasar, n'un.*

[132] XTC1:15. Cita Taboada a Hermann Steuding: *Mitología griega y romana*. Colección Labor. 5ª edición, Barcelona, 1942, 204.

[133] Engade na n. 46: *Recuérdese el rito jónico de los amphridonia con función catártica y profiláctica, así como el terapéutico de las hogueras en tiempo de epidemia* (LGF: 169 e outras).

[134] XTC1:247.

En Portugal tamén hai ritos semellantes [135].

12.1.8.3. Aire de boi, aire de vaca

En Padrenda rexistra Lis Quibén a crenza de que bois e vacas poden tamén influír negativamente nunha persoa, provocando unha enfermidade desas que só curan con ensalmos e ritos: sería o *aire de boi* ou *aire da vaca*, tamén chamados *mal do boi.*

Lis Quibén, que era médico, di que *o aire* ou *mal do aire* é a denominación popular dun conxunto de "síntomas, trastornos y dolencias que, produciendo un estado de debilidad general del organismo o una afección de la piel, los cree [o paisano galego] debidos al 'aire' que emana una persona o un animal, tanto vivo como muerto, o al que procede de un astro o de determinados sitios o lugares" (VLQ:31).

Os animais que poden causar esa doenza son arácnidos coma a araña ou o alacrán; animais inmundos (sen especificar); réptiles coma a cobra, o lagarto e a lagarta; anfibios coma o sapo e a píntega; mamíferos coma a toupa, a rata, o raposo; animais domésticos coma o gato, a gata, a galiña, a galiña choca, o can, o boi, a vaca; pero tamén hai aire de muller, de muller non virxe, de muller virxe, de pai despois de deitarse coa nai, de excomungado, de envexa, de condenado e de defunto. E por último tamén é maléfico o aire de certos lugares coma o aire de terra, de lúa, de encrucillada, de porta, de ventá, de corredor e de camposanto.

O remedio que executaban para tira-lo *aire do boi* ou o *aire da vaca* en Padrenda (Ourense) consistía en describir cun fouciño un círculo no cuarto de enfermo, e colocar dentro del unha tella con brasas de xeito que o enfermo quentase nelas os pés, que se persignase e rezase o acto de contrición e, en acabando, o menciñeiro facía cruces co fouciño por riba do enfermo mentres recitaba este ensalmo:

Aire de Can,
aire de Raposa,
aire de Boy,
aire de Vaca,
aire de aciática,
aire malino,
e todos los males.
Aquí te corto y recorto,
con este ferro aceirado;
aquí te desterro,
pró mar coallado,
donde non oias cantar
galiña nin galo,
nin pita acacarear.
Por la gracia de Dios
y de la Virgen maría,
un Padre Nuestro
y un Ave María (VLQ:58-59).

Repetían o ensalmo tres veces e despois menciñeiro e enfermo rezaban un credo e unha salve.

Outro remedio consistía en esconxura-lo demo que se cre teñen as vacas enfermas no seu corpo. Esta operación debía facela un sacerdote. En Melide cóntase que o crego de san Bieito exconxurou un demo que tiña unha vaca, e cando o demo lle preguntou onde se ía meter o crego contestoulle: "*Métete no cu da miña mula*". O demo obedeceu o exorcismo e foise para onde lle dixeran e tal se puxo a pobre mula que houbo que matala (Mel2:440).

Vicente Risco [136] tamén anotou o seguinte ensalmo para *talla-lo aire da vaca marela*:

---

[135] *S. João protege os rebanhos que vão a banhar na sua noite (Tradiçoes) e avigora-se a saúde dos rebanhos defumando-os junto á fogueira de S. João* (DMA:336).

[136] VR1:478; no texto: *salte dos pelos, salte dos cornos*. Non especifica en que consiste este *aire de vaca marela* nin tampouco localiza xeograficamente o ensalmo. Este segue o esquema clásico neste tipo de procedementos, que consiste en obrigar á causa do mal a que saia do animal e se vaia a onde non pode facer ningún mal: *donde non sintas o galo cantar/ nin galiña cacarexar*, é dicir, alí onde non habita ninguén. Outros ensalmos son máis descritivos: *... donde non sintas ruxir/ nin auga correr – nin muiños moer/ nin galos cantar – nin nenos chorar*.

Aire da vaca marela
sai das tripas e vai prá tes,
sai da tes e vaite pró coiro,
sai do coiro e vaite prós pelos,
saite dos pelos e vaite prós cornos,
e saite dos cornos e vaite pró mar
donde non sintas o galo cantar
nin galiña cacarexar.
Con el poder de Dios y de la Virgen María
un padrenuestro y un Ave María.

12.1.9. Crenzas relacionadas co leite

12.1.9.1.¿É bo ou é malo o costro?

Xa dixemos noutro lugar (véxase 7.7.1.) que algúns gandeiros cren erroneamente que o costro non é bo para o becerro e por iso moxen a vaca e tiran o costro [137]. Noutros sitios, en cambio, non só o consideran beneficioso para o becerro senón que fan con el unhas sopas para comelas, chamadas *formigos* ou *freixós*.

12.1.9.2. O lugar axeitado para muxir ou te-lo leite

Hai lugares que non son axeitados para muxi-las vacas. Non se deben muxi-las vacas fóra da corte, porque se cae no chan unha pinga de leite e pasa por riba dela unha *sacabeira* (píntega), a vaca seca e non dá máis leite (Mondo4:182). Tamén se debe ter coidado de pecha-la porta do curral porque pode pasar unha meiga e, ó velo, bota-lo mal de ollo e converte-lo leite en sangue (Raiaseca:188).

Crese tamén que non convén deixa-lo leite muxido da véspera de san Xoán porque virán as meigas lava-lo seu traseiro no leite, se se deixou algunha ventá ou porta sen lle poñe-lo ramo de xesta [138].

A proximidade do lume e do leite non é boa. Cando o leite dunha vaca cae no lume á vaca retíraselle o leite (XTC1:240).

En Verín cando queren seca-la vaca, móxena encol dun formigueiro (Ver7: 307). E ¡quen sabe se a batalla das formigas no carnaval en Laza terá subterraneamente algo que ver con esta crenza! Outra explicación que se dá ó feito de que a vaca perda o leite é que son as meigas quen veñen muxilas pola noite (JRL:195). Noutros sitios, en cambio, coidan que son unhas pantasmas chamadas *Xas* (de *Diana*) as que o fan, á vez que estragan o froito das árbores e fan outras pillerías (JRL:176).

12.1.9.3. O leite que se retira por unha mala mirada

As vacas sin leite [139]

Unha muller tiña na casa dúas [140] vacas que daban moi bo [141] leite: e un día chegoulle pola [142] porta un vello veciño que foi a lle pedir que lle dese unha cunca del; deullo a muller e dende aquela [143] o bon do home non deixou día que non fose pedir a súa [144] peita, até que a muller chegou a se cansar e negoulla.

O vello asañouse e marchou [145] remusgando alritado; dende aquela hora as vacas non voltaron dar nen pinga de leite; na casa todos enculparon ao vello e a muller máis [146] que ninguén andaba enrabechada.

---

[137] *O primeiro leite que dan as vacas hai que tira-lo para que non se poñan doentes ou morran as crias por mamar os primeiros costros* (Parade.:275).

[138] *El meigallo puede aparecer en la leche después de la noche de San Juan si no se esconde el recipiente que la contiene. Las brujas depositan el meigallo penetrando en casa de un enemigo y lavando el culo en la leche, y haciendo otras porquerías mayores. Para evitar la entrada no basta con cerrar las puertas y ventanas, hay que poner en todas las rendijas, por debajo de la puerta, chimenea y ojo de la cerradura, flores y cardos. Pero como es difícil cerrar todos los agujeros, nadie debe descuidar el esconder la leche, guardarla en la artesa, donde parece que no pueden entrar porque en ella, muchas veces, se hace la cruz en la masa del pan* (AFF1:86).

[139] LCA7:328. Recollido en Mera, San Cosme de Maianca, Oleiros.

[140] No texto: *duas*.

[141] No texto: *bó*.

[142] No texto: *pol-a*.

[143] No texto: , *e dende aquela*,.

[144] No texto: *sua*.

[145] No texto: , *e marchou*.

[146] No texto: *mais.* Tamén no resto do relato.

Unha mañán [147] que unha neta do vello pasaba onde a casa, a muller chamouna e pediulle de lle dicir ao bolito que voltara a recolle-lo leite [148] como decote, pois algo era o que ela maliciaba de aquel home; aquele mesmo día voltou o vello; estaban xuntos todos os da casa cando ele chegou, díronlle o leite e íbase [149] sen da-las [150] gracias nen decir cousa, e daquela a dona da casa, sen se poder calar por máis tempo, tívolle o pé e faloulle demandándolle se era que non tiña algunha cousa que dicir; o vello non daba fala, mas, tanto foi o que enrabechou a muller que chegou a se poñer [151] furente dicíndolle ao vello que o iba matar; o home, gañando medo, pediu moi abaixado e a tremer:

- *Que se che garden ben as vacas, muller*.

Dende aquela hora, voltaron as vacas dar tanto leite e tan bo [152] como daban enantes, sen que tivese [153] a muller necesidade de lle dar cousa ao vello que tivo bon tino de se non deixar ver nunca máis por aquela casa.

12.1.9.4. O leite que se volve sangue por unha mala mirada

Xa falamos no capítulo 8.7.4. *Patoloxía* da crenza de que o mal de ollo pode facer que as vacas, ó muxilas, dean sangue en lugar de leite. Aínda máis, crese posible que esta transformación en sangue pode ter lugar mesmo na canada, e así as leiteiras se protexían desta eventualidade colocando un rosario ó redor da canada do leite (VR3:78). *Ás vacas éntralle o mal ollado da envidia si ao pasar o leite de elas un regueiro non se lle botan areas de sal* (FBB8: recollido en Ouzande [154]).

Antón Fraguas recolle a precaución de lle botar unhas areas de sal no leite que se regale a un veciño, por se no camiño tropezamos cunha meiga que, por envexa, bote a ollada nos animais que están de leite e provoque que, para o outro día, teñan sangue en vez de leite (AFF1:86).

Cren en Verín que cando cabras ou vacas sangran polo ubre cando as muxen, débese ó mal de ollo, que curan facendo tres cruces na cruz das mans e outras tantas nas coxas cunha candea que alumease o Santísimo o día de Xoves Santo [155].

Leite sanguinolento [156]

Certo día do mes das frores, veu certa muller do lugar pedirme un pouco leite mais eu, que o necesitaba, [157] non llo quixen dar. Mais, ó ir mungui-la vaca [158], en vez de darme leite, empezou a soltar sangue. Fíxenlle unha cruz no lombo, boteille auga bendita i ó momento [159] deixou de solta-lo sangue [160]. Púxenme a [161] ferver aquil leite, pra que se presentase elí a que me embruxara [162] a vaca, e así socedeu, que ó pouco tempo preséntaseme a bruxa [163] dicíndome que por Dios sacase o leite do lume [164] e que nunca me volvería a faguer ningún mal i asina [165] o fixen.

---

147 No texto: *mañan.*
148 No texto: *recollel-o*.
149 No texto: *íbace*.
150 No texto: *dal-as*.
151 No texto: *poñel*.
152 No texto: *bó*.
153 No texto: *tivesse* (o texto está impreso en Portugal).
154 Supoñemos que é o Ouzande da Estrada e non o de Silleda porque FBB foi maxistrado na Estrada.
155 Ver7: 299.
156 SPF:17. Recollido na parte de Lemos.
157 No texto: *,mais eu que o necesitaba,*.
158 No texto: *Mais ó ir munguil-a vaca.*
159 No texto: *,y-ó momento*.
160 No texto: *soltal-o sangue.*
161 No texto: *Púxenm'a.*
162 No texto: *m'embruxara*.
163 No texto: *preséntasem'a*.
164 No texto: *lume,*. Aquí o texto insire a seguinte nota: *A bruxa sofre cando o leite embruxado está no lume. Iste é un fenómeno d'esteriorización da sensibilidade, sobre do que teñen feito curiosos esperimentos Albert de Rochas e outros sabios, y-hastra certo punto, parece centificamente comprobado. N-elo fúndase o feitizo que os franceses chaman "envoûtement". Véxase o que sobre d'esto teñen escrito Durville, P. Piobb, E. Levy y-outros autores.*
165 No texto: *,y-asina*.

12.1.9.5. As cobras que maman nas vacas e mesmo nas mulleres

Moito máis estendida está a crenza de que son as cobras que veñen de noite á corte a zugar nos tetos das vacas (JRL:195, ERG:cóbrega, Gud7:64, Loures.:15, Raiaseca:133), como xa vimos ó falar das mamites (véxase 8.3.7.). Disque o fan con tal suavidade que acaban creándolles ás vacas unha certa adicción, chegando incluso a non querer que as mame o becerro porque lles é máis doce a succión da cobra.

Antón Noriega Varela [166] escribía tamén sobre esta crenza:

Alí van vellas tolas falar de santos,
de tesouros, pantasmas, trasnos, encantos,
da Compaña que sale polos camiños, [167]
do mal d'ollo, das fachas, dos demachiños,
do pedrazo, que murchas pón as patacas,
das cobras, que de noite maman nas vacas,
dun libro d'esconxuros, que ten o Cura,
de com'os nenos sanan da crebadura,
das pormesas, dos mortos, das romerías,
¡i e doutras mil burradas e bruxeirías!

Folgar Crestar transmítenos de Moraña a seguinte versión [168]:

Un home vai á corte muxi-las vacas que hai pouco trouxera cos ubres cheos do prado. Pero atopa con sorpresa que non teñen pinga de leite. Varios días seguidos pasa o tal e ponse á espreita a ver que pasa, ata que un día descobre que de debaixo do estrume da corte érguese unha cobra que se lle enlea nas patas e empeza a mamar e que a vaca dá mostras de que lle está dando gusto a suavidade con que lle quita o leite a cobra. O home saíu do seu achante e cun fouciño segou a cobra e do corpo desta saíu un río de leite que quedou tirado pola corte. Pero a vaca nunca máis leite deu.

Pasaron os anos e a vaca volveu parir pero non deixaba que o becerro mamase. O home tivo que cria-lo becerro a biberón. O home andou por cincuenta manciñeiros e ó final dixéronlle que tiña que bota-la vaca ó monte e que alá ela se amañaría para que a fose mama-la cobra. Así o fixo e cando chegou á toxeira co ubre ben cheo a vaca bradaba e brincaba. De alí a pouco apareceu unha cobra que se lle enleou nas patas e que empezou a mamar. A vaca acougou e, cando a cobra rematou, a vaca foise pacer tranquila.

E, ó outro día, como o home non tratase de botala ó monte, poñíase tola e a cornadas tronzaba a porta. E tiña que deixala saír, marchando enfurecida sempre coa mesma operación.

Na Raia Seca cóntase este sucedido (Raiaseca:133):

Un pegureiro entretíñase na sesta do mediodía en darlle leite a unha culebriña, amaestrándoa a que acudira aos seus asubíos, e que se escorregase polo seu corpo ata que poñía a boca preto da súa para lle respirar o bafo. A culebra, como bebía leite, medraba rapidamente ata chegar a ser un exemplar de grandes dimensións.

Marchou o pegureiro ao servizo militar e, cando voltou licenciado, pasou polo lugar en que vivía a culebra, acordouse dela e botou un asubío. Escoitouse un forte ruído producido polo réptil ao apartar as uces, avanzando por entre o monte. Deixouno aterrado. Quixo fuxir, pero xa non tivo tempo, véndose preso entre os aneis do culebrón, que na alegría do encontro non obedeceu as súas voces e fíxoo "papiña" cos seus aloumiños.

Tamén Risco recolle esta tradición estendida por toda Galicia [169]. E di que nela cren os paisanos con tal unanimidade e convicción que resulta estraño que poida ser mentira. Outros testemuños cadran que isto é posible porque a cobra disque ten o mamar moi doce. Os paisanos -asegura Folgar Crestar- din que son as cobras as que coa súa mirada e co seu aire chaman polas vacas e que as hipnotizan de tal xeito que as deixan celosas para toda a vida ata que hai que vendelas [170].

E non só se di que maman nas vacas. Pola zona de Viana aseguran que alguén viu como unha cobra mamaba o leite dunha corza enleándoselle nas patas traseiras para impedirlle o movemento. Outros moitos etnógrafos testemuñan a crenza que asegura que as cobras chegan a mamar nas mulleres. Vicente

[166] ANV6:39.

[167] No texto: *compaña*.

[168] AFC: 183-185.

[169] VR:176-177.

[170] Esa *capacidade* das cobras de hipnotizar ás súas víctimas explicaría tamén a crenza de que o fan cos paxaros que capturan. A realidade é que os paxaros que aniñan no chan adoptan unha táctica defensiva da niñada baseada en chama-la atención do posible depredador, simulando estar feridos, no chan, ou voando ó seu redor para que ó intentar capturalo a el se alonxe do niño. Unha vez que conseguen distraer ó depredador e salva-lo perigo, alzan o voo normalmente.

Risco [171] cita dous casos, un do *Almanaque ferrolano para 1901* de Nicolás Fort Roldán que testemuña a crenza de que algunhas cobras chegan a mamar nos peitos das mulleres e que meten o rabo na boca dos meniños para que non choren e non se descubra [172]. O segundo caso refírello Beatriz González Rodríguez de Tosende, Baltar (Ourense) que lle conta en 1935 que nunha casa terrea vivía unha nai coa súa filla de poucos meses e unha cobra subiulle á cama e púxose a mamar e, para que a meniña non chorase, meteulle o rabo na boca. Esta parada repetiuse moitas veces, sen que o notase ninguén ata que viron que a meniña ía mirrando, a cada paso máis; así que empezaron a velar e acabaron descubrindo o que estaba a pasar.

> *As serpes veñen ó leito das mulleres que están criando para chucharlle-los seos e elas non se dan conta, porque as serpes chúchanlle-los seos cunha gran delicadeza. Os nenos comenzan a enfraquecer e morren sen que se saiba a razón. As serpes chuchan tamén das vacas coa mesma delicadeza cás mulleres e os cuxos morren, ou polo menos non medran. Se non hai cuxos, cando a ama da casa vén para muxi-las vacas, xa non teñen leite* (Loures.:14-15).

Caso semellante é o que refire Laureano Prieto [173] sen indicar lugar nin informante. É así: unha muller que estaba a criar un neno, durmía a sesta nun horto. O marido non era gustante, porque vía que, des que a muller durmía alí, o rapaz mirrara e na pel víanselle unhas manchas verduxas. Así que decidiu espreita-la muller mentres durmía e un día viu que ó pouco de quedar ela a durmir, apareceu unha cobra que se puxo a mamarlle nos peitos e que meteu a punta do rabo na boca do meniño. O home calou pero ó outro día puxo un prato de leite no rastro que seguira a cobra e esta, ó cheira-lo contido do prato, foi cara ó prato para bebe-lo leite. E, nisto, o home pegoulle un tiro e matouna.

Tamén en Portugal se rexistra a crenza de que ás cobras tamén as atrae o leite da muller: *Da amizade da cobra pela mulher vem talvez a crença de que as cobras gostam de leite e mamam nas vacas e nas mulheres [...] As cobras-moiras também mamam nas vacas ou esperam pelo leite que as mulheres lhes hão de levar* (DMA:301). E o morcego partilla este gusto coa cobra: *vai beber leite ao úbere dos animais e agarra-se ao cabelo das mulheres* (DMA:301).

Algunha lenda asegura que, cando unha cobra bebe no leite é unha fada disfrazada, coma nesta tradición do Castro Alegre [174]:

> A un rapaz que andaba co gando no castro saleulle un día unha moza que se penteaba os cabelos c-un peite de ouro.
>
> -*¡Ai, señora, si me dera ise peite con que se peitea!* –díxolle o rapaz
>
> -*Dareiche o peite e dareite moito mais ainda ata facerte rico, si fas o que che eu diga e non te acañas.*
>
> E díxolle ó rapaz [175] que lle levase ó día seguinte unha cunca de leite bendecida, e que non se acañase co que socedese, pois mentras ela bebía o leite, il tiña que ter man da cunca.
>
> Foi o rapaz ca cunca, e saleulle unha grande cobra que se puxo a beber no leite e o rapaz, sen se acañar, tiña man da vasixa. Bebeu todo a cobra e, e ó rematar, convertíuse na señora do outro día e deulle moita riqueza.

En calquera caso débese clarexar que as cobras non poden mamar nas vacas (nin nas mulleres) porque a anatomía da súa boca e o delgado da súa lingua impídelle-la succión: non poden face-lo baleiro na cavidade bucal, circunstancia indispensable para zugar e mamar. Aínda así, Risco di que tal circunstancia non explica a afección das cobras polo leite (na India ofrécenlle leite ás cobras sagradas) e engade que, se non teñen beizos e non poden succionar coma nós, posiblemente o fagan coa dilatación do esófago ou con algún outro mecanismo descoñecido que explique o arraigo desta crenza [176].

O naturalista J. Curt explica que a razón da presenza de cobras nas cortes do gando non é outra que a termofilia destes réptiles, que buscan alí a calor dos animais e maila producida pola fermentación

---

[171] VR:176.

[172] Risco engade que en Barcelona tamén se rexistrou esa crenza algunha vez.

[173] Gud7:64.

[174] A lenda é do Castro Alegre, Salvaterra (Pontevedra) en versión de Xosé Martín Rodríguez, recollida por Cuevillas e Bouza Brey (FC-FB:142).

[175] No texto: *ô rapaz*, como nos casos seguintes: *ô día*, *ô rematar*.

[176] VR:177.

do esterco [177]. Outros expertos nestes animais tamén insisten *na imposibilidade anatómica dos ofidios para zugar ou mamar e o nulo interese que amosan por este líquido como alimento* (en condicións de catividade) [178].

Mentres os técnicos discuten tal posibilidade, a xente xa buscou os seus remedios para impedilo. O *alicornio* (canteiro de porco bravo) emprégase para evitalo: o método consiste en botar unhas raspas nun pouco de leite e facer tres cruces co mesmo alicornio sobre a cunca de leite. Despois déixase nun sitio por onde teña que pasa-la cobra e poida beber dela, e nese intre morrerá. Ás paridas dánlles de beber un pouco deste leite (ERG:alicornio).

Bouza Brey [179] recolle en diversos lugares de Galicia, así como en Castela e Portugal, a crenza de que a cobra é amiga das mulleres (crenza contraria á da Biblia [180]) e inimiga dos homes; e que, en cambio, o lagarto protexe o home fronte ás cobras. Así, cando un home dorme no campo e se lle achega unha cobra para picalo, sempre hai un lagarto cerca que lle acode para o advertir do perigo, facéndolle cóxegas co rabo nas orellas ou na cara, trabándolle na orella ou botándolle pedriñas. Risco dá conta de testemuños que falan de xente que se deitou no campo a durmir e que acordou cunha cobra a medio enviar e que pasou moito traballo a tirala para fóra. E tamén de vacas as que se lle meteu dentro unha cobra, que lle roeu as entrañas e acabaron morrendo por esta causa.

A mesma relación entre homes e lagartos, por unha banda, e mulleres e cobras, por outra, pode escoitarse en Loureses (Os Blancos, Ourense). Afirman alí que cando un home está a durmir no campo, éntralle a cobra pola boca e mátao desde dentro; respecto ás mulleres, mesmo as empreñan. A solución baséase nesta apetencia das cobras polo leite: *cando a serpe entra no ventre dun home, hai que atalo polos pes, coa cabeza para abaixo e poñer no chan unha cunca de leite porque á serpe lle gusta moito o leite e vai saír para chupalo. O mesmo se fai coas mulleres empreñadas por unha serpe* (Loures.:14).

12.1.9.6. Pantasmas que moxen as vacas e defuntos que as asombran

ERG (s.v. pantasma) anota a seguinte crenza:

> *La PANTASMA de las viejas creencias gallegas es uno de los espíritus o seres sobrenaturales del campo y de los bosques. Suele aparecer entre las sombras de la noche, cerca de los cementerios o de las iglesias rurales, lo mismo que en las ENCRUCILLADAS o entre los árboles que bordean las CORREDOIRAS. Esta visión nocturna amedrenta a nuestras gentes supersticiosas, que la tienen por un alma en pena que vuelve a la tierra para hacer daño o pedir sufragios en su favor. En algunas comarcas hay PANTASMAS que van a los molinos a meterse con la gente, y recorren las heredades robando los frutos, y* ***entran en las cuadras para ordeñar las vacas****. Estas PANTASMAS llámanse XÁS. La PANTASMA, como hija de la superstición popular gallega, ha dado materia para muchos cuentos y leyendas de nuestro folklore, y los poetas las utilizaron para sus lucubraciones.*

Fraguas (AFF1:56) dá por común a crenza de que os animais, especialmente vacas e bestas, tamén ven a Santa Compaña, razón que explica que por veces se asusten de noite sen motivo aparente para facelo.

Risco (VR10:398) contaba en 1946 que en Grou (Lobios) a procesión da Compaña empezaba cando o defunto que levaba máis tempo enterrado se erguía e berraba:

-¡Levantaivos, difuntos, e saí todos xuntos!

E erguíanse todos, collían a cruz e unha campaíña e marchaban a onde lles parecía, despois de daren unha volta arredor do atrio cantando deste xeito:

A tumba é d'ouro,
salta no touro;
o touro é touro bravo,

---

[177] JC-PG.

[178] PG-GF. Aínda así, lembran que esta falsa crenza está tamén presente fóra de Galicia: *en distintos lugares de África ofréceselles o leite, deixando unha cunca con el no chan na crenza de que os ofidios son parentes que voltan do máis alá así encarnados. En certas zonas do centro de Europa, cando de noite se escoitaba o berro da víbora ... sacábase ó exterior un prato con leite para que bebese a serpente. Nos Estados Unidos é tamén crenza espallada que certas cobras rouban leite directamente das ubres das vacas* (px. 14).

[179] FBB7b: 61-80. Cita as seguintes localizacións desta crenza: Melide, Velle, A Gudiña e Muros, en Galicia; Bragança, Beira Alta, Douro e Penha-de-França (Lisboa), en Portugal; Ventas de Peña Aguilera, en Toledo.

[180] No libro da Xénese a serpe é a máscara do Demo que tenta a muller a come-la mazá da árbore da ciencia do ben e do mal e, tralo pecado, Deus dille á serpe: *Poño hostilidade entre ti e a muller, entre a túa liñaxe e a dela. Ti tentarás atanguerlle o calcañar, pero ela esmagarache a cabeza* (Xén. 3,15).

salta no adro;
o adro é de barro,
escáchall'as pernas e revírall'o rabo [181].

E despois ían polos lugares e ó primeiro que encontraban entregábanlle a cruz e entre os meses de decembro e marzo tiña que saír tódalas noites ata que batese con outro que o remudase.

12.1.9.7. Leite e eclipses

Outra estendida superstición é a relativa ás eclipses, que son consideradas prexudiciais para as vacas que están a pacer nese intre: hai campesiños que nestas circunstancias tiran co leite das vacas porque cren que é malo. Tampouco recollen verdura nese día, pola mesma razón, e din que os legumes e as outras plantas se cobren duns *bechos* invisibles (Grixó, ERG:cris, ERG:eclipse, JRL:117, XTC1:107).

12.1.9.8. Leite e abrente

Tamén existen crenzas relacionadas co leite recollendo o culto da aurora nalgunhas aldeas de Cervantes (Lugo):

> *nas montañas de Cervantes, cando munguen a vaca, o primeiro leite ponse nunha cunca na ventán que dá cara ourente, para que lle dean os primeiros raios do sol, o cual tén feitío de ofrenda. Cando teñen unha gran desgracia, axiónllanse diante do abrente pedíndolle axuda* (VR1:279).
>
> *y cuando una desgracia grande agobia a una familia de aquella comarca, no sólo piden protección a la aurora con palabras y fórmulas no conocidas, sino que también presentan una torta de la primera cocedura al lucero de la mañana* (ERG:aurora).

12.1.9.9. Santo protector do leite de vaca

En Palas de Rei considérase a san Breixo avogoso para o leite, tanto do gando como das mulleres. Para pedirlle protección lévanlle queixos e moitos ofrécenlle o primeiro queixo que se fai no ano, ou o que se obteña despois da súa intervención (Mel2:430). Precisamente en Palas de Rei, como xa vimos, recolleu Llópiz (VLLM:2,893) unha copla e unha oración. Eis a copla:

A Palas vou,
de Palas veño,
de me bendecer san Breixe
a xuvenquiña que teño.

e tamén a oración:

Louvado san Breixe,
vou munxir a marela,
adepárame bo leite.

12.1.9.10. Leite e penedos fertilizantes da muller

A capacidade de certos penedos para devolverlle á muller a súa fertilidade natural vai asociada ó uso do leite. BAC3 (58) cita o caso da Pedra da Serpe no Castro de Penalba (Campo Lameiro) a onde a tradición máxica di que deben ir copular na noite de san Xoán aquelas parellas que queiran ter fillos pero, isto é importante, teñen que levar unha cunca de leite de oferta ás serpes ou, máis especificamente, un cuarto litro de leite sen ferver e muxido de vaca que estea criando becerro. Os que transmiten esa tradición mentan casos concretos de persoas que, por tal procedemento, naceron despois de longas tempadas de esterilidade das súas nais.

[181] No texto: *revítall'o rabo*.



Pedra da Serpe (Campo Lameiro).

Ofrenda de leite a un penedo tamén a ten o *Corno do Demo*, petouto granítico na eminencia máis meriodinal da Serra do Galiñeiro, no monte dos Arruídos (Vincios, Gondomar), tal como veremos en 15.2.12.

12.1.10. Bois e tesouros encantados

Diferentes tradicións locais vencellan o comportamento dos bovinos coa detección de tesouros nas mámoas. No *interrogatorio de Vázquez de Orjas* (1609) [182] dise que na mámoa do Amenido (Pacios, Begonte) víanse tódalas mañás de San Xoán, como sinais de tesouro, un fato de galiñas e pitos; e que un boi que se botou a durmir enriba da mámoa, levantouse cunhas manchas grandes que a tradición local aseguraba que eran manchas que lle saen a quen dorme enriba de algo de ouro [183] (AMS2:73-74). A mesma crenza estaba vixente en 1603 en Muruxás, Lanzós (Vilalba): dicíase que no Porto da Pedra había un tesouro *porque se había echado allí una vaca y se había llevantado* [sic] *toda ella con manchas blancas* (AMS2:195).

[182] Pedro Vázquez de Orjas (probablemente *Orxás*) foi un crego, dono do couto de Recemil de Parga (Lugo) que en 1606 *denunció, registró y manifestó por Hacienda Real todas las mámoas de gentiles galígrecos* [galaicos prerromanos], *algunas de las cuales, dice, tienen oro* (AMS2:25). Aínda que di *todas,* probablemente se limitaba a sinalalas na zona de Caldas a Padrón. O caso é que a Audiencia de Galicia aceptou o rexistro, elevouno ó Real Consejo de Hacienda y Contaduría e o rei Filipe III en 26.5.1609 concedeulle unha Real Cédula que o autorizaba a abrilas *con intervención de las Justicias de Padrón y Caldas* e ante escribán público e sempre que non fosen en sagrado, entregando ó Rei unha parte do que encontre. A noticia parece que tivo o efecto pernicioso de que por toda Galicia a xente se meteu a escava-las mámoas e fálase de que se destruíron máis de 300. Un sobriño denunciou en novembro de 1609 que en terras de Vilalba, Parga, Friol, Lugo, Mondoñedo, Portomarín e Monfero hai *abiertas de 300 a 400 mámoas, y que todas ellas se abrieron de noche y ocultamente* [...] *e por toda Galicia las caban á montones chicos y grandes, pobres y ricos, sin saber lo que hacen, y roban y esconden lo que hallan, favorecidos por varios señores jurisdiccionales, seglares y monacales y sus jueces, justicias y escribanos, y algunos de ellos trocándoles el oro que los traidores hallan ...* (AMS2:26-27).

[183] O certo é que o relato confirma que se acabou abrindo a mámoa na que durmira o boi que se ergue coa mancha pero non especifica que nela se encontrase tesouro ningún; noutras, si.

12.1.11. Problemas da muller na xestación relacionados co gando bovino

Outra crenza popular é a de que, cando un meniño nace co cordón enleado ó redor do pescozo –*encabestrado*, di Fraguas- din que se debe a que a nai pasou durante o embarazo por debaixo da corda que suxeitaba unha vaca (JRL:162, AFF1:23); incluso chega a crerse que tantas veces o faga a nai, tantas voltas dará o cordón umbilical ó pescozo do feto (Raiaseca:209). Tamén se di o mesmo se a nai pasa por baixo da corda de tende-la roupa, dun arame ou dunha escada, ou se ela sentou na pía dos porcos (Raiaseca:211). En Vimianzo, cren que, se a muller encinta pasa baixo o ramal dunha besta, a xestación durará once meses (o tempo da xestación das eguas). Por Monterrei (Ourense) din que, se unha muller embarazada toca a paxarela dun becerro ou dun porco sacrificados, sairalle o rapaz cunha mancha na pel [184](XTC3:43).

No capítulo 8.7. *Patoloxía da reprodución* xa citámo-la crenza de que se algunha vaca ou calquera animal femia come as parias unha vez rematado o parto, perderá o leite; se come as dunha muller, o meniño quitará as cualidades, ou defectos, do animal que o fixera (JRL:140, Raiaseca:212) ou nacerá cheo de pintas brancas (Raiaseca:212).

Finalmente, en Portugal recollemos de Delmira Maças a tradición que asegura que unha muller embarazada, que comera man de vaca, deu á luz un meniño con seis dedos en cada man e en cada pé (DMA:298).

12.1.12. Crenzas no influxo da lúa

Non son moitas, sorprendentemente, as crenzas que recollemos relacionadas coa lúa e mailo gando.

O esterco apáñase e amoréase en lúa nova para que fermente millor (XTC1:109). Ningunha femia pare ata cuartea-la lúa, aínda que estea cumprida. (XTC1:159). As vacas dan máis leite cando paren en lúa nova; e menos, se o fan en minguante (XTC1:109). Non han caparse os animais en lúa nova pois, de facelo, na Gudiña cren que os bois mouros se volverían vermellos. Non obstante, en Portugal aconsellan facelo *na brandeza da lúa* para que non lles saian uns pelos grandes (XTC1:110).

12.1.13. Algunhas crenzas portuguesas

Ademais das crenzas recollidas en Portugal que fomos inserindo anteriormente nos textos, Delmira Maças di que é tradicional en Portugal interpretar como anuncio de casamento o feito de soñar con bois ou touros ou determinados bruídos dos bois ou das vacas (DMA:313). Tamén di que as almas dos defuntos que roubaron colmeas aparecen de noite como unha luz moi intensa e que teñen aspecto de cabeza de boi (DMA:326). Tamén di que ás veces un animal escorrenta outro: así o fel de vaca ou boi enterrado no campo afasta as aves (DMA:306). Finalmente unha das posibles metamorfoses do demo é nun becerro, así como un can negro, cabalo, burro ou mosquito, mais os pés son sempre de cabra (DMA:300).

12.2. Prognósticos meteorolóxicos

O comportamento de certos animais parece servir para predici-lo tempo, a xulgar polas diferentes tradicións que se poden recoller en torno a estes agoiros. Así, cando as andoriñas voan baixo é que vai cambia-lo tempo, e cando as galiñas ou os gorrións espurruñan na terra é que vai chover, o mesmo que parece anuncia-lo canto do merlo ou da bubela, ou o feito de que as pombas non saian do pombal a buscar comida. Máis coñecidas quizais sexan as gaivotas como advertencia do tempo que vai facer, anunciando temporal ou chuvia se voan cara a terra ou se voan a gran altura. Agoiros semellantes despréndense do voo doutras aves mariñas, como os mascatos, os corvos mariños, os biluricos ou as pardelas.

Non só as aves anuncian o tempo que vai facer: se as abellas están revoltas é porque vai haber treboada; se as avespas fan a abertura do avespeiro cara ó sur, virá un ano seco, e se o fan cara ó norte, virán choivas; se as moscas pican moito, vai chover, e, se vemos formigas voadoras, tamén; se o cabalo se deita é que vai haber vento e se os gatos poñen as costas ó lume podemos prepararnos para un longo e cru inverno.

Tamén nas vacas se pode ler, se cremos en todo isto, o tempo que vai facer. Traducimos un breve comentario anónimo que recollía a actitude do gando como barómetro [185]:

[184] Cousa que tamén se cre que pode suceder se no período de xestación ela come polbo.
[185] An17.

É signo evidente de chuvia ou vento forte que un rabaño de vacas se reúna nun extremo do campo co rabo cara ó punto de onde procede o aire.

Cando as reses están rebuldeiras e, saíndo do seu repouso habitual, corren polo campo, embisten obxectos imaxinarios ou coucean ó aire, adoita ser indicio de que se aproxima unha tormenta.

Cando as vacas dan mostras de ter calor, se rascan e se refregan unhas con outras, é sinal de que vai facer bo tempo.

Igualmente, en Portugal cren que, se os bois berran ou sacoden a corna, é que vai facer vento; e que, se as vacas cheiran a terra e levantan a cabeza cara ó ceo ou pacen con présa, é que vai chover ou vir mal tempo (DMA:315). E en castelán corre este refrán: *Cuando las vacas se arrejuntan, la tormenta barruntan* [186]. Curiosamente VLLM ofrece un refrán que prognostica o contrario: *Bois que se marran e berran, bo tempo espera*.

Ver tamén na epígrafe 9.4.10. *O carro*, o apartado *O mítico carro de ouro*.

A posición en que aparece o arco da vella deu tradicionalmente ocasión para un prognóstico doado. O arco da vella consiste na refracción da luz do sol nunha masa de millóns de pingas de auga en suspensión. Tendo en conta que a nós tódalas frontes atmosféricas nos veñen do Atlántico, do oeste, cando ese fenómeno óptico que chamamos arco da vella se produce no poñente, indica que aí hai unha masa húmida que vén cara a nós: polo tanto prognostica choiva e, en consecuencia, é mellor recolle-lo gando (ou ceibalo do arado) e virse para a casa. Para que poidamos observar ese fenómeno, temos que ter sempre o sol ás nosas costas; iso significa que o arco da vella a poñente só o veremos pola mañá.

Arco da vella no poñente, ceiba os bois e vente. (VS) [187]
Arco da vella ó poñente, antepón os bois e vente. (Trazo)
Arco da vella ó poñente, ceiba os bois e vente. (Cur.; Parade.; VS) [188]
Arco da vella ó poñente, colle os bois e vente. (VS) [189]
Arco de vella ó poñente, pícalle ós bois e vente. (VS) [190]
Arco da vella ó poñente, recolle os bois e vente. (PdM:5) [191]
Arco da vella ó poñente, saca os bois e vente. (VS)
Arco da vella ó poñente, solta os bois e vente. (ERG:arco; XSL:62; MC:87) [192]
Arco poñente, colle o boi e vente. (UCA2:24; VS) [193]
Cando estea o arco iris ó frente, vira os bois e vente. (VS4) [194]
O arco da vella ó poñente, fala ós bois e vente. (VS) [195]
[Se o arco da vella se pon]Ó poñente, ceiba os bois e vente. (Cur.) [196]
Se o arco da vella se pon ó poñente, colle os bois e vente. (VR2; EAG:53) [197]

Pola contra, cando o arco da vella nos aparece ó nacente, a oriente, quere dicir que a gran masa húmida xa pasou de nós e, polo tanto, se chover, choveralle a outros situados terra adentro pero non a nós e, onde estamos, parará previsiblemente de chover (a non ser que veña detrás outra fronte húmida) e neste caso pódese saír cos bois para traballar. E, como para podermos observar ese fenómeno, temos que ter sempre o sol ás nosas costas; iso significa que o arco da vella a raiante (é dicir, ó leste) só o veremos pola tarde:

[186] VG:13.09.2002.
[187] VS: *poniente*.
[188] No texto: *Vella, poente, ven-te* (Parade). Saco recólleo coas formas *poniente*, *ponente* e *puniente*.
[189] VS: *poniente*.
[190] VS: *poniente*.
[191] No texto: *d'a, ao Poniente.* O refrán anuncia mal tempo: *Arco da vella ó poñente, mariñeiro en pé* (CGP:63,104), *Arco da vella ó poñente, mariñeiro ¡alerta!* (CGP:63, 104).
[192] XSL: *peñente* (sic), que é errata evidente.
[193] No texto: *ponente* (UCA2, VS).
[194] VS4 di que o recolle de Manuel Portela Balayo, seminarista de Santiago nos anos cincuenta.
[195] VS: *poniente*.
[196] No texto: *O poñente*. Parece lóxico, vistos os paralelos, que esta variante incompleta ten a forma plena que lle supoñemos.
[197] No texto: *s'o, d'a, o ponente* (VR2); *Se arco d'a vella, a poniente, vinte* (EAG).

Arco da vella a levante, fala ós bois para adiante. (VS)
Arco da vella no levante, fala ós bois pra diante. (VS)
Arco da vella ó levante, anda cos bois para adiante. (PdM:5) [198]
Arco da vella ó radiante, dálle ós bois para diante. (VS)
Arco da vella ó raiante, afala os bois para diante. (Trazo)
Arco da vella ó raiante, ¡ei, boi! ¡ei!, pra adiante. (ERG:arco)
Arco da vella ó raiante, fala ós bois e vente. (VS)
Arco da vella ó raínte, anda boi pra diante. (Parade.:312) [199]
Arco da vella ó reante, fálalle ós bois pa diante. (VS)
Arco da vella pa levante, céiballe ós bois e vente. (VG:20.8.83) [200]
Arco da vella por levante, fálalle ós bois para adiante. (VG:5.7.86)
Arco de vella reante, pícalle ós bois pre diante. (VS)
Arco raiante, ¡ei boi pra adiante! (UCA2:24; VS) [201]
Arco raiante, o boi pra adiante. (VS)
Co arco iris no radiante, colle os bois e fálalle pa diante. (VS)
O arco da vella ó raante, fala ós bois pra diante. (VS)
Se o arco da vella se pón a raiante, pica os bois pra diante. (XLF3:66)
Se o arco da vella se pon ó raiante, pica o boi e tira pra diante/adiante. (XLF2:63; XSL:64) [202]
Se o arco da vella se pon ó raiante, pica os bois e tira pra diante. (VR2) [203]
Se o arco da vella se pon ó raiante, pica os bois para diante. (EAG:53) [204]

Hai tamén refráns que describen as dúas situacións.

Arco da vella ó raiante, anda, boi, pra diante; arco da vella ó poniente, ceiba e vente (Carb-L2; VS) [205]
Arco da vella ó raiante, tira boi para adiante; arco da vella ó poniente, ceiba os bois e vente. (Sob3) [206]
Arco da vella para a Ribeira, ceiba os bois e vaite á lareira; arco da vella para a montaña, xungue os bois e vaite á arada. (RCI:104)
Arco iris ó naciente, labrador antepón os bois e vente; arco iris ó poniente, dálle ós bois pra diante. (Gud5:113)
Arco raiante, carro pra diante; arco poente, colle o carro e vente. (XLF3:66)
Arco raiante, ¡ei boi para adiante!; arco poñente, colle o boi e vente. (UCA:36.17; ZM:40) [207]
Cando o arco iris está en raiante, afálalle ós bois para diante; cando está en poniente, cólleos e vente. (VS)
Cando o arco iris está no poniente, colle os bois e vente; cando está no raiante, ei boi pra adiante. (VS) [208]
Se ves un arco da vella para o raiante, dálle ós bois para adiante; se ves un arco da vella para o poniente, deixa os bois e vente. (Morlán)
Si o arco de vella está ó raiante, fala ós bois pra diante; si está ó puñente, ceiba os bois e vente. (VS)

---

[198] Explica que iso acontece pola mañá. No texto: *d'a, ao Levante*.
[199] No texto: *ó rainte*.
[200] VG: *Levante*.
[201] VS: *rayante, pr'adiante.*
[202] No texto: *diante* (XLF2); *adiante* (XSL).
[203] No texto: *s'o, d'a, o rayante.*
[204] No texto: *d'de a vella* (sic)*, a rayante* (EAG).
[205] No texto: *ao raiante, ao poniente* (Carb-L2); *rayante* (VS). Equivale ó castelán *Arco al poniente, deja el arado y vente*, que recolle Alonso de Barros no seu *Refranero español*; pero o aquí reseñado é moito máis rico e expresivo. Saco engade os seguintes equivalentes: *Arco iris por Levante, levanta el tiempo al instante* (Gella), *Arco iris por Poniente, recoge los bueyes y vente* (Gella), *Arco a poniente, amarra la barca y vente, Arco a poniente leva el arte y vente* (Sar.).
[206] No texto: *pa adiante, vénte*.
[207] UCA: *rayante, ponente*. ZM: *pra diante*. UCA2 e EAG:53 fan de cada membro un refrán independente, pero nós considerámolo un único refrán.
[208] VS: *p'adiante.*

Cómpre sinalar que algúns paremiólogos presentan en ocasións algún refrán discordante e posiblemente froito da confusión ou mala recollida.

O prognóstico do arco da vella, mesmo así, non ten absoluta fiabilidade porque a xente comproba que, ás veces, con arco da vella ó raiante, chove, quizais porque nada impide que detrás veña outra masa húmida. Esta insuficiente fiabilidade probablemente axudou a crea-la fórmula *¡Esas son cousas do arco da vella!* coa que se califican de pouco serias e fiables as propostas que outros nos fan ou as noticias que nos dan [209].

A atenta observación do comportamento da vaca (como teña o rabo, se berra, se espirra ou se marcha de seu para a praia) tamén ofrece prognósticos meteorolóxicos.

Berra a vaca: hai maraxe. (CSF112, VS:12796)
Berra a vaca, maraxe saca. (CGP1:79)
Boi co rabo seco, bon tempo. Si mollado, chuvia (temos) de contado. (VLLM:1,133) [210]
Boi co rabo xiado, neve ben ao cabo. (VLLM:1,133) [211]
Cando o boi moito lle dá ó rabo, brétema temos ó cabo. (VLLM:1,137) [212]
Boi que espirra, o tempo revira. (VLLM:1,135) [213]
Bois que espirran no arado, tempo trocado. (VLLM:1,135) [214]
Bois que espirran no carro, tempo revirado. (VLLM:1,135) [215]
Cando a canga espirra, o tempo revira. (VLLM:1,137) [216]
Cando espirran os bois, troca o tempo a pior. (VLLM:1,137) [217]
Cando o tempo anda á vira, os canciles espirran. (VLLM:1,138) [218]
Cando o tempo revira, os bois nos canciles espirran. (VLLM:1,138) [219]
Cando os bois espirran, o tempo revira. (VLLM:1,137) [220]
Bois que se marran e berran, bo tempo espera. (VLLM:1,135) [221]
Cando as vacas baixan prá praia, temporal. (VS) [222]

O seguinte grupo de refráns constitúe un prognóstico do tempo fundado na observación do voo das aves mariñas. O bo tempo permítelles ás gaivotas ir cara ó mar a se alimentaren, mentres que, cando no mar hai moito vento ou temporal, achéganse a terra buscando protección (e, probablemente, aproveitando as correntes térmicas ascendentes pois así élles máis doado desprazarse e buscar alimento). Podémolo ver tamén nestoutro refrán: *Cando a gaivota visita o labrador, mal lle vai ó pescador*. Outros refráns complementan a mensaxe aconsellando que, cando vai para terra, *colle a brosa e fai estela,* e isto parece indicar que se aveciña tempo frío ou temporal. Pero non se debe esquencer que hai un refrán paralelo da gaivota que parece predicir tempo bo nesta mesma circunstancia: *Cando a gaivota vai pra a terra, xa non neva; cando vai pra o mar, vai nevar* (ZM:52), pero debemos ter en conta que as nevadas non establecen as mesmas condicións có temporal: o tempo frío non é tempo de temporal, e resulta dificilísimo que neve preto do mar, hábitat propio destas aves.

---

[209] Aínda que tampouco excluímos que esa fórmula se refira á crenza de que alí onde o arco da vella toca a terra hai un tesouro que deixou agachado a Vella.

[210] Llópiz: *có*; recólleo do semanario *El agricultor*.

[211] Respectámo-la grafía *ben ao cabo* entendéndoa como *inminente*, se ben tamén podía ser *vén ao cabo* co senso de *por fin a neve vai vir*; Llópiz engade que é observación dun aparato barométrico representado, coma o anterior, por un boi co rabo sensible ós cambios higrométricos. Recólleo de T. Valle, sacerdote.

[212] Llópiz recólleo na Capela de A. Abelaira.

[213] Recólleo de Intendente Roldán en *Observaciones agrícolas para marineros* (Ferrol 1834).

[214] Llópiz: *qu'espirran*; recólleo en Ordes (1916) de V.C.

[215] Llópiz: *qu'espirran*; recólleo de A. Valenzuela en *Ganadería*.

[216] Recólleo en Sarandóns.

[217] Recólleo en Ordes.

[218] Llópiz: *â*. Podiamos pensar que, cando empeora o tempo os bois espirran e iso fai que se movan os cancís do xugo, pero parece máis axeitado pensar nunha traslación estilística pola que os cancís simbolizan o boi que leva entre eles o seu pescozo. Recólleo en Sarandóns.

[219] Llópiz recólleo en Cerceda.

[220] Llópiz recólleo de Intendente Roldán.

[221] Llópiz explica que *marrar* é escornar uns bois ós outros pero sen se mancar.

[222] Saco recólleo en Porto do Son.

En calquera caso estes refráns xa son arcaicos porque nestes últimos anos as gaivotas aprenderon a buscar alimento nos vertedeiros de residuos urbanos, de xeito que voan a cotío ó interior na procura de alimento e regresan polas tardes ós seus niños ou dormidoiros na beira do mar.

Cando a ave vai para Meira pon a sella á goteira, cando a ave vai pró mar colle o arado e vai labrar. (RCI) [223]

Cando a gaivota vai pró mar, colle o arado e vai arar. (Riba1:208; CGP: 059, 080) [224]

Cando a gaivota vai pró mar, colle o arado e vai arar; cando a gaivota vai para a terra, colle a brosa e fai estela. (RCI) [225]

Cando a gaivota vai prá terra, colle a brosa e vai por leña; cando pró mar, xonce os bois e vai arar. (VS)

Si a gaviota vai pral mar, pilla os bois i vai arar. (XBG:483)

Cando a garcia vai pró mar, colle os bois e ponte a arar. (VS)

Cando a garcia vai pra arriba, colle os bois e vente axiña. Cando a garcia vai pra abaixo, colle os bois e vai arar. (VS) [226]

Cando a garza vai pra Meira, pon a sella á goteira; cando vai pró mar, pon os bois a arar. (VS)

Cando a garza vai pró mar, colle os bois e bota a arar. (Camb1:53; Castre.)

Cando a garza vai pró mar, colle os bois e ponte a arar. (LLB:3; XAB2:33; CGP:60, 080; Mondo4:72; VS; XLRG:28) [227]

Cando a garza vai pró mar, colle os bois e vai arar, e se a garza vén pra Meira pon a sella na goteira. (Ibias4) [228]

Cando a garza vai pró mar, colle os bois e vai labrar. (Piquín5) [229]

Cando a garza vai pró mar, colle os bois e vai labrar; cando a garza vai arriba, ceiba os bois e vai pra vila. (Piquín5) [230]

Gaivotas ó monte, vellos á corte. (Ribada.)

Tamén os insectos, cando perseguen vacas e bois, permiten prognostica-lo tempo:

Cando o anzón pica nos bois, logo agoira o trebón. (VLLM:2,286) [231]

Cando o moscardo roi nas vacas, axiña baixa a trobiscada. (VLLM:2,286) [232]

Os seguintes refráns prognostican o tempo fundándose na observación doutros fenómenos atmosféricos: o vento, o bruído da costa, o movemento das nubes, a chuvia e mailo trono. Unha vez máis, se as frontes nos veñen do Atlántico e chove polo nacente, quere dicir que a fronte xa pasou e é probable que pare de chover:

Cando a brétema vai do Con pra o mar, bota os bois a labrar. (FBB8) [233]

---

[223] No texto: *para ó mar*.

[224] No texto: *pr'o, vai á arar* (Riba1); *para o mar* (CGP).

[225] No texto: *para ó mar, bros* (sic).

[226] VS: *pr'arriba, pr'abaixo, coll'os*.

[227] CGP, XLRG: *para o mar*; dá tamén a variante *bota a arar*, e engade que ás veces se di formando parte doutro máis completo: *Cando a garza vai para a terra, colle a brosa e fai a estela; cando a garza vai para a terra, colle os bois e ponte a arar*. Lence Santar utiliza a forma *garcia* – forma mindoniense por *garza-*, *pr'o*; e tamén completa o refrán: *Cando a garcia vai pr'a terra, colle a brosa e fai estela.*

[228] O tema das garzas é distinto do das gaivotas. Excepto nas marismas, onde se poden sentir seguras e protexidas dos posibles depredadores, as garzas do interior buscan sempre coa chegada da noite unha árbore para durmir, regresando ó mar ou á lagoa á primeira hora da mañán para busca-lo seu alimento. Por iso entendemos que estes refráns se refiren máis ó ciclo diario do mencer e o solpor, comezo e fin da xornada laboral de bois e labregos, que a un prognóstico meteorolóxico. No texto: *pra o, ven*.

[229] No texto: *pro*.

[230] No texto: *cuando, pro, pa villa.*

[231] O único lexicógrafo, dos 26 que figuran na versión ampliada do *Diccionario de Diccionarios* de Antón Santamarina, que define a palabra *anzón* co valor de tabán é o P. Sobreira (1787-1805) nas súas *Papeletas de un diccionario gallego* e faino así: *Insecto volátil del género de los tabaos o tabanos, que se tira a los animales con la violencia de una saeta, y por eso se dice, del niño que es vivo, 'ser coma un Anzón'*. Os valores que ofrecen Carré ou Eladio Rodríguez (*Cosa muy pequeña, apenas perceptible. El niño pequeño que aun comienza a andar solo*) non teñen que ver con este contexto.

[232] Llópiz: *troviscada*; recólleo de E. Portela (*Léxico del Valle de Rosal*, La Guardia).

[233] Bouza Brey recólleo en Vilaboa, lugar de Sobradelo, Vilagarcía. Refírese ó río do Con.

Cando brúa a barra de Ladrido, bois ó abrigo. (VS; CGP:81) [234]
Cando brúa a barra de Ortigueira, bois á eira. (VS; CGP:81) [235]
Cando brúa a de Ladrido, pon o boi ó abrigo. (CGP:81) [236]
Cando brúa a do Esteiro, pon o arado ó fumeiro. (CGP:81) [237]
Chuvia ó levante, pon os bois e vaite. (VS)
Nubes do levante dálle os bois pra diante. (SCD:60) [238]
¿Nubes ó levante? Dálle ós bois para adiante. (Areas; ZM:159) [239]
Nublado do levante, ei boi pa diante. (VS)
Se trona do raiante, fala ós bois pa diante. (VS)

Hai refráns que teñen en conta non o aire do leste senón o do norte:

¿Corren as nubes pra Meira? Colle as vacas e bota a leira. (VS) [240]
Corren as nubes pra Portugal, colle os bois e ponte a arar. (Saudade)
Corren as nubes pra Viana, colle os bois e vaite á arada. (VS)
Se van as nubes pra Viana, colle os bois e vaite á arada. (Vald4) [241]

Pero outros refráns contradín o prognóstico anterior que é coherente co prognóstico que virá despois:

Cando chove por oriente, prende os bois e vente. (VS) [242]
Cando o trono se pon do Suído, vende as vacas e méteas en millo. (FBB8) [243]
Trono ó nacente, pon os bois ó carro e vente. (Salc2) [244]

Pola contra, se chove ou as nubes de chuvia aparecen vindo dende o solpor, é indicio ben visible de que vén cara a nós unha fronte que nos trae chuvia:

Aire do oeste, solta os bois e vente. (VS)
Co aire de poñente, solta os bois e vente. (XMSH:94; ERG:aire; VS) [245]
Nubes ao poente, colle os bois e vente. (XLF3:65)
¿Nubes ao poñente? Colle os bois e vente. (ZM:159) [246]
Nublado do ponente, colle os bois e vente. (VS)
Se trona do poñente, ceiba os bois e vente. (VS) [247]

Os roibéns, en cambio, agoiran o tempo en sentido contrario ó arco da vella: se aparecen ó nacente, traen tempo cativo; mentres que se aparecen ó solpor, esas tardes de ceo rubio típicas do verán, agoiran un tempo bo como é de todos sabido.

Cando encarnado está ó monte, mete o boi na corte. (VS) [248]

---

[234] Ladrido (Ortigueira). Saco recólleo en Cariño. No texto: *Labrido* (CGP).
[235] Saco recólleo en Cariño. CGP dá tamén a forma *para a eira*.
[236] No texto: *Labrido* (CGP).
[237] Esteiro (Ortigueira).
[238] Cando as nubes veñen do levante, é que vai mellora-lo tempo e xa se pode saca-lo gando. No texto: *dalle*.
[239] No texto: *dalle* (Areas); *ao levante, dalle aos bois pra diante* (ZM).
[240] Este refrán é compañeiro doutro que di *¿Corren as nubes pra Meira? Caldeira á goteira.* Parecen contraditorios e non o son, porque este está recollido en Montecubeiro, localidade ó sur de Meira; polo tanto, se estando ó sur de Meira o aire corre cara a Meira, é vento do sur e trae a chuvia (*caldeira á goteira*), mentres que o que comentamos está recollido ó norte de Meira, polo tanto, se, estando ó norte, o aire corre cara a Meira, é aire do norte e trae bo tempo (*colle as vacas e bota a leira*).
[241] No texto: *a arada*.
[242] Recollido no 1951 en Santiago de Compostela por Manuel Casal García.
[243] O Suído queda ó NE de Cortegada e o noso informante xustifica o refrán en que esa tormenta arrasa a colleita.
[244] Porque anuncia choiva. No texto: *naciente*.
[245] XMSH: *ponente*. VS comeza *Aire do poniente*...
[246] No texto: *poniente*.
[247] VS: *poniente*.
[248] VS: *ô mento* (sic), *buey*.

Cando encarnado está o monte, mete os bois na corte. (VS)
Cando vexas o sol rubio pró nacente, colle a aguillada e vente. (VS) [249]
*Encarnado *hacia o monte, colle as vacas e vaite á corte.* (VS) [250]
Encarnado ó monte, leva os bois prá corte. (VS)
¿Encarnado polo monte? Colle os bois e méteos na corte. (VS)
Néboas rubias ó nacente, leva os bois ó lameiro e vente. (XTC4) [251]
Roibéns ó sol nado, picoreiro, andarás mollado. (XMSH:95) [252]
Roxas polo monte, colle os bois e vente pronto. (Cea) [253]
Rubias ó nascente, apón os bois e vente. (VS) [254]
Ruibéns ó nacente, colle os bois e vente. (Lourei2) [255]
Cando o mar está encarnado, pon o boi ó arado. (VS)
Cando o mar está encarnado, pon os bois ó arado. (VS) [256]
Encarnado contra o mar, colle os bois e vai arar. (Corme1:505).
Encarnado contra o mar, colle os bois e vai labrar. (VS)
Encarnado ó mar, bota os bois a labrar. (VS)
Encarnado ó mar, colle os bois e vai labrar. (VS)
Encarnado polo mar, colle as vacas e vai labrar. (VS4) [257]
¿Encarnado polo mar? Colle os bois e vai labrar. (VS)
Encarnado polo mar, colle os bois e vai labrar/arar. (CGP:83)
Nubes roxas ó ponente, desapón os bois e vente. (XLF2:47)
*Ponse rubio *hacia Chantada, colle os bois e vai á arada.* (VS)
Queda rubio cara Chantada, colle os bois e vai á arada. (Sete-L) [258]
Roxo contra o mar, colle os bois e vai labrar. (EGE:32)
Rubias ó mar, pon os bois a arar. (VS)
Ruibéns ó mar, colle os bois e ponte a arar. (Lourei2) [259]

E hai un grupiño de refráns que conteñen o dobre prognóstico:

Encarnado ó monte, bois á corte; encarnado ó mar, bois a arar. (VS) [260]
Encarnado ó monte, bois á corte; encarnado ó mar, bois a labrar. (CGP:83)
*Relusca *hacia ó mar, colle os bois e vai arar; relusca *hacia Meira, pon o caldeiro á goteira; relusca *hacia a Fonsagrada, colle os bois e méteos na cuadra.* (RCI:115)
Rubias ó sol nado, pigoreiro andarás mollado. Rubias ó sol posto, pigoreiro andarás enxoito (MVN2: 101; XTC4; ZM:218; EAG:51; PdM:18-019) [261]

---

[249] VS: *coll'a aguillada.*

[250] VS: *a corte*.

[251] No texto: *névoas, o lameiro.*

[252] Copiamos de Moreiras Santiso a seguinte explicación: *A verba galega 'roibén' ven do etimo latino 'rubentem', roxo, bermello, i era o común epíteto da linguaxe poética e do sermo vulgaris pra nomear a luzada primeira do día ou as postas luminosas do sol (Virxilio empregóuno nas Xeórxicas I, 250-251). O –i- de roibén é analóxico, polo contaxio de roiba, roibal, roibo. E o predominio do plural acrárase polo antigo oficio de axetivo*. Coa mesma intención prognóstica temos estoutros refráns: *Rubias á terra, mariñeiros á merda; Rubias ó mar, vellas a asollar; Rubias ó mar, vellas ó sollar; Rubias ó monte, ovellas á corte; Rubias ó nacente, auga de repente.*

[253] Cando as nubes están roxas no monte, hai que virse para a casa cos bois pois indica que vai chover.

[254] Saco engade este equivalente portugués: *Ruivas no nascente, desapõe os bois e foge sempre* (Chaves).

[255] Porque agoira mal tempo.

[256] VS: *'tá*.

[257] VS4 di que o recolle de Manuel Martínez Lois.

[258] Recollido no Saviñao, Chantada queda ó poñente, logo anuncia que vai quedar bo día. No texto: *cull'os bois, bai'àrada*.

[259] Porque agoira bo tempo.

[260] Saco comenta: *Anuncian malo y buen tiempo respectivamente*.

[261] No texto: *Rubiás, ó sól nado* (pero, *ó sol pósto*), *pósto, enxóito* (MVN2); *Roibás ao sol, picoreiro* (ZM); *pegoreiro, enjoito* (EAG); *Rubiàs à sol nado, pigoreiriño andarás mollado. Rubiàs á sol posto, pigoreiro mañan andarás enxoito* (PdM); engade que pigoreiro é pastor de ovellas, de *pecus-oris*. Taboada dá dúas versións semellantes deste mesmo refrán: nun caso escribe *rubias ó nado* (sic), *ò sol posto*; e noutro *o sol nado, o sol posto*; esta última di que a recolle do *Diccionario* de Valladares. O mesmo prognóstico recólleo Zamora Mosquera sen referencia explícita ó pastor: *Arreboles de sol posto é sinal de tempo enxoito, arreboles de sol levantado é sinal de tempo mollado* (ZM:41).

Si está encarnado para o mar, colle os bois e vai labrar; si está encarnado pró monte, colle os bois e méteos na corte. (VS)
Si está o aire de levante, fala ós bois pra adiante. Si está de ponente, colle os bois e vente. (VG:6.7.85)
Trona pro raiante, ei, boi para adiante; trona pro poniente, quita os bois e vente. (Ameixe.)

Cando no inverno oíres tronar, vende os bois e bótao en pan. (NevesC)
Cando no inverno vires tronar, vende os bois e bótao en pan. (ERG:inverno/tronar) [262]
Febreiro tronado, bo ano pró sementado e ruín pró gado. (VS) [263]
Si en febreiro trona, mal ano pró gado e bo pró sementado. (Mez1:153; XTC4) [264]
Si trona en febreiro, mal ano pró ganado e bo pró sementado. (Gud5:97) [265]
Cando o carro do ceo volve o rabo ou quer amañecer ou é dia craro. (XLF3:65) [266]
Cando o Pico Sagro pon capelo, meniñas do gando levade o mantelo. (VS)
Vai a niebla polo monte de Poedo, xungue tarde e vente cedo. (ERQ1:124) [267]
Se a noite de Carnaval está clara, anda, boi, ara. (VS)
Se a noite de Nadal está crara, ara, boi, ara; se está escura, ara, boi, no duro. (VS)
Se a noite de Navidade fai luar, labra ben pra sementar; se a noite de Navidade fai escuro, sementa no terreo duro. (UCA:38.17)
Si a noite de Navidá foi de luar, labra ben pra sementar; si a noite de Navidá foi de escuro, sementa no terrón duro. (XTC4; PdM:20; MVN2:101; ZM:222) [268]
*Se queda negro *hacia Monforte, cubre os bois e cubre o capote.* (Sete-L) [269]
Se ves brétema na Penafesa, ceiba os bois e ponte á mesa. (VG:7.5.88)
Xaneiro, xeadeiro, sube ó outeiro, si veis verdegar ponte a chorar, si veis negrexar ponte a cantar. (Raiaseca:53) [270]

Finalmente hai un grupo de refráns que non prognostican tempo atmosférico senón ventura ou desventura agrícola en función do tempo que fai.

A primaveira de xaneiro non leva ningún boi ó matadeiro. (EGE:11) [271]
Se marzo volve o rabo, adiós a teu ganado. (SCD:82; SCD2) [272]
Xaneiro mollado, bo pró campo e malo pró ganado. (VS) [273]
Xaneiro mollado, bon pró tempo, mal pró gando. (VS) [274]
Xaneiro mollado, n'é bo pró pan, n'é malo pró gado. (VS)
Xaneiro mollado, non é boo pró pan mais é boo pró gado. (VS)
Xaneiro mollado, se n'é bo para o pan, n'é malo para o gado. (VS) [275]
Xaneiro mollado, se non bo pra o pan, non é malo pra o gado. (VR2; ZM:252) [276]
Xaneiro mollado, se non é bo para o pan non é malo para o gando. (NevesC; UCA:36.13; PdM:21) [277]

---

[262] ERG: *en inverno* s.v. *inverno*; *no inverno* s.v. *tronar*.
[263] VS recólleo de *O Gaiteiro de Lugo*, 1957.
[264] No texto: *pro, bón* (Mez.); *pro, bó* (XTC4).
[265] No texto: *pro ganado*.
[266] O *carro do ceo* é a Osa maior.
[267] Monte situado a uns catro quilómetros de Cerdeira, na Xunqueira de Ambía.
[268] No texto: *S'a nóite, bén, d'escuro, n'o terron* (MVN2); *fai de luar, fai de escuro* (ZM); *terron* (PdM); *oscuro* (XTC4).
[269] Porque vai chover. No texto: *acia, cubr'os, cubr'o*. Dubidamos se non haberá no texto unha errata por *colle o capote*.
[270] No apartado referido ó mes de *xaneiro* poden atoparse máis variantes.
[271] Véxase a explicación en 12.3.13.
[272] No texto: *si, adios teu ganado* (SCD); *adiós teu ganado* (SCD2).
[273] Ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Janeiro molhado, se não é bom para o pão, não é mau para o gado* (Chaves); C.: *Gener mullat, bo per a la terra, mal per al ramat* (Sanchis).
[274] Temos dúbidas verbo da palabra *tempo,* por se está por *campo*; pero está así no orixinal.
[275] VS: *xeneiro*.
[276] No texto: *bon, n'o e malo* (VR2); *bon, gando* (ZM); Zamora Mosquera repíteo na px. 262, e neste caso escribe: *senon e bon, non e malo*.
[277] UCA: *se n'é bô, n'é malo, gado*. PdM: *si n'e bon pra o pan, n'e malo pra o gado*.

Arco da vella ó raiante,
anda, anda, boi, pra diante;
arco da vella ó poniente
ceiba a parexa e vente. [278]

12.3. Calendario gandeiro

12.3.1. Xaneiro

Ver tamén na epígrafe 9.4.10. *O carro*: *Xaneiro xeadeiro...*, e en 9.12. *O lobo: En abril cabemos no cubil...* e *En abril cátanos no cubil...*

A ferraña de xaneiro non vai ó palleiro. (XLF2:15; AdC:6; ANV1:90; ZM:19) [279]
A primaveira de xaneiro non leva ningún boi ó matadeiro. (EGE:11) [280]
A sacha á mes en xaneiro válelle por un esterqueiro. (Grou) [281]
Ata o xaneiro calquera vaca pasa o regueiro. (Carb-L:302; Grou; VS) [282]
Auga de xaneiro medio esterqueiro. (XTC4) [283]
Chuvia no xaneiro, carne no caldeiro. (XLF2:28)
De xaneiro a xaneiro, carneiro; e vaca o demais tempo. (VLLM:1,140) [284]
En abril, espigas mil; polo san Lucas, suca, boi, suca; polo san Simón, varón, que pasa sazón; polo san Xuan sécalle a primeira raíz ó pan; polo San Pedro sécalle a do medio; polo Santiago sécalle a do cabo; pola santa Mariña bótalle a fouciña. (VS) [285]
En San Sebastián, carro de leña fornada de pan. (XTC4)
En xaneiro, becerro enteiro. (Grou)
En xaneiro, nin galgo lebreiro nin boi carreteiro. (VS) [286]
En xaneiro súbete ó outeiro: se ves verdegar, bótate a chorar; se ves negrexar, bótate a cantar. (XLF2:34)
En xaneiro súbete ao outeiro: si ves o campo verdexar, ponte a chorar; e si terrexar, ponte a cantar. (AdC:6)
En xaneiro vaite ó leiro: si o ves verdegar, ponte a chorar; si o ves mourear, ponte a cantar. (ANV1:90) [287]
En xaneiro vaite ó outeiro: si ves verdegar, ponte a chorar; si ves terrexar, ponte a cantar. (ANV2:16; JASA2:366) [288]
En xaneiro visita o outeiro: se ves verdegar, ponte a chorar; se ves terrexar, ponte a cantar. (EAG:43; ZM:100) [289]

---

[278] Carb-L:43.

[279] No texto: *ao palleiro* (AdC); *ô palleiro* (ANV1); *ferreña, ao* (ZM). Zamora Mosquera escribe realmente: *ao poleiro*, que consideramos erro ó comparalo cos paralelos; repite o refrán na páxina 260, xa coa forma *palleiro*, pero neste caso escribe *ferrefa* por *ferreña*.

[280] Véxase a explicación en 12.3.13.

[281] No texto: *mês.*

[282] Carb-L: *Hastra*; Grou: *Hasta xaneiro*. VS: *Hast'o xaneiro, pas'o regueiro.* Normativizamos en *Ata* para que non se alonxe de máis dos seus paralelos nunha listaxe alfabética.

[283] Tamén *Auga de xaneiro esterco de carneiro* (XTC4).

[284] Llópiz: *demás*. Recólleo de Javier F. Losada, prof. vet. e explica que alude á superioridade da carne do carneiro sobre a da vaca, aínda que sexa de raza. Véxase a epígrafe 6.6.2.1. no capítulo da *Cortadoría*.

[285] San Lucas, 18.10; San Simón, 28.10; San Xuan, 24.06; San Pedro, 29.06; Santiago, 25.07; Santa Mariña, 18.07.

[286] Saco explica que *La blandura del terreno, a causa de las lluvias no permite correr al galgo ni tirar al buey*, e ofrece esta equivalencia: E.: *En enero no hay galgo lebrero, ni buey carretero* (R. Marín). Tamén ofrece esta variante: *En xaneiro, nin galgo leboreiro nin falcón perdigueiro*, coas súas equivalencias: P.: *Em janeiro nem galgo lebreiro, nem açôr perdigueiro*. *Ao galgo o mais lebreiro, foge a lebre em janeiro* (Chaves); E.: *En enero, ni galgo lebrero ni azor perdiguero* (Correas) .

[287] No texto: *ô leiro, pont'a*.

[288] No texto: *a outeiro, pont'a* (ANV2); *ô outeiro, pont'á* (JASA2).

[289] No texto: *janeiro, si, pont'a, terrejar, pont'a* (EAG); *verdugar* (ZM).

En xaneiro visita o outeiro: si o ves verdegar, bótate a chorar; si o ves terrexar, ponte a cantar. (ZM:260) [290]

No mes de xaneiro sube ó outeiro, se ves verdegar bota a chorar, se ves negrear bota a cantar. (Carte.) [291]

No mes de xaneiro súbete ao outeiro: se ves terrexar, ponte a cantar; e se ves verdexar, ponte a chorar. (UCA:38.13) [292]

No mes de xaneiro súbete ó outeiro: se ves terrexar, bótate a cantar; e se ves verdegar,bótate a chorar. (Sandiás:111) [293]

No mes de xaneiro súbete ao outeiro: si ves os teus campos verdexar, ponte a chorar; mais si terrexar, ponte a cantar. (ZM:149) [294]

No xaneiro súbete ao outeiro: se ves terrexar, ponte a chorar; e se ves verdear, ponte a beilar. (UCA:38.13) [295]

Picoreiro, rúbete ó picouto, e si no mes de xaneiro os prados ves verdegar, bótate a chorar, e si os ves queimados, ponte a bailar. (JASA2:12) [296]

Picoreiro, súbete ao picouto, e si no mes de xaneiro veres verdegar, ponte a chorar, mais si os ves queimados, ponte a bailar. (ZM:262)

Picoreiro, súbete ó picouto, e si no mes de xaneiro vires verdegar, bótate a chorar, e si os ves queimar, ponte a bailar. (ZM:199; ANV2:16) [297]

Xaneiro, xeadeiro, sube ó outeiro, si veis verdegar ponte a chorar, si veis negrexar ponte a cantar. (Raiaseca:53)

En xaneiro, xa os ósos valen diñeiro. (FBB8)

No xaneiro fóra a vaca do lameiro. (Morei:370; ZM:150; NevesC) [298]

O boi e o leitón, en xaneiro crían riñón. (ERG:boi; UCA:36.13; UCA2:49; VLLM:1,146; XAB1:38; ZM:163, ZM:261; VS) [299]

O día de san Sebastián ceiba ás moscas Satanás. (VLLM:2,286) [300]

San Sebaschán, vinte de xaneiro, cando ceiba a mosca do demo. (VLLM:2,287) [301]

Os Reis, o boi os coñez e por san Xullán, o pailán. (VLLM:1,150) [302]

Os Reis, o boi os coñez; por san Sebastián, o carreiro e o pailán. (VLLM:1,150) [303]

Por santa Lucía crez o día un palmo de pita; por san Xulián, un pulo de ran; por san Antón, un paso de boi; e por san Sebastián, xa ten unha hora máis. (XFR:338)

Si aras en xaneiro, vasme decir que che roubei o esterco do leiro. (VS) [304]

Tantos días de sol en xaneiro, tantos en san Xoán ó comareiro. (SPP:218) [305]

---

[290] No texto: *verdugar*.

[291] No texto: *sube o outeiro, bota chorar* (pero *bota a cantar*).

[292] No texto: *á cantar, á chorar*.

[293] No texto: *súbet'Outeiro, vótate a cantar, vótat'a chorar*.

[294] No texto: *terrezar*.

[295] No texto: *á cantar, á beilar*. Xa Carré sinala que é unha contradición do anterior.

[296] No texto: *o picouto, n-o mes, á chorar* (pero, *a bailar*).

[297] No texto: *ao* (ZM); *veres, queimadas* (ANV2).

[298] Morei, ZM: *fora*.

[299] Como en xaneiro non se traballa no campo, os bois descansan na corte e poden engordar. Chámase *criar riñón* a acumular graxa os animais gordos, sobre todo arredor dos riles. Llópiz recólleo na Fonsagrada. No texto: *niñón* (sic) (UCA); *leitao, niñao* (UCA2); *i o leitón* (XAB1); *leirón* (sic), nos dous casos (ZM). VS ofrece estas equivalencias: P.: *O boi e o leitão, em janeiro criam rinhão* (Chaves); E.: *El buey y el lechón en enero crían riñón* (R. Marín).

[300] Llópiz: *âs*; recólleo en Xinzo. San Sebastián celébrase o 20 de xaneiro.

[301] Llópiz: *ceiva*; recólleo en Xinzo; notable arcaísmo (*Sebaschán*).

[302] Llópiz explica que *Reis* é a Epifanía (6 de xaneiro) e san Xián o 9. Hai varios santos co nome de Xián; o que se festexa o 9 é o que morreu mártir en Antioquía, baixo Diocleciano (século IV) pero Ferrol, onde viviu Llópiz na súa adolescencia, celebra o día 7 a san Xián e san Ferreol, mortos en Vienne no século V. Llópiz explica tamén que *pailán* é o aldeán *zafio, paleto*. Marina Mayoral recolle do seu pai, natural de Toledo e home de campo, o paralelo castelán: *Para los Reyes, lo conocen los bueyes* (MM).

[303] Llópiz explica que por san Sebastián xa os días van medrando; recólleo de *Refranes de Ferrol y su comarca* de M.L.

[304] No texto: *vasme a decir*.

[305] No texto: *Xaneiro, o comareiro*. Explica Portela Pazos que *es costumbre que los trabajadores, cuando llueve, se retiren al 'comareiro', donde se sientan al abrigo de un paraguas, capa de juncos, etc.*

Xaneiro e febreiro son bo tragadeiro. (VS) [306]
Xaneiro mollado, bo pró campo e malo pró ganado. (VS) [307]
Xaneiro mollado, bon pró tempo, mal pró gando. (VS) [308]
Xaneiro mollado, n'é bo pró pan, n'é malo pró gado. (VS)
Xaneiro mollado, non é boo pró pan mais é boo pró gado. (VS)
Xaneiro mollado, se n'é bo para o pan, n'é malo para o gado. (VS) [309]
Xaneiro mollado, se non bo pra o pan, non é malo pra o gado. (VR2; ZM:252) [310]
Xaneiro mollado, se non é bo para o pan non é malo para o gando. (NevesC; UCA:36.13; PdM:21) [311]

Incluímos aquí unicamente as panxoliñas referidas ó aninovo e os *Reises*. No apartado correspondente ó mes de *decembro* (12.3.12) recollerémo-las referidas ó nacemento do Meniño.

Ano novo, ano novo,
ano novo velo aí vén,
veña polo noso ben,
polo de vostede tamén.
Estas portas son de ouro,
aquí vive Don Antonio.
Estas portas son de papel,
aquí vive Don Manuel.
Deus lle dea tantas vacas
como no corral hai lapas. [312]

Déano-lo aguinaldo
anque sea pouco
un bo bacalao
e mais metá de outro:
de postres compota
e tamén castañas
'boenas y bien grandes'
un molete enteiro
e un queixo de Flandes.
Diolo pague, Señora
Dios queira que de hoxe un ano
me dea usté 'el aguinaldo'
'con sus queriditas manos'. [313]

Déanos de todo
anque sea pouco,
touciniño e medio
e a mitad doutro
e uns chouriciños
pra lle mesturar,
uns garabanciños
o leite prás papas
e uns cantos cartiños
pró que hai que comprar. [314]

Os señores desta casa
están todos na cociña;
hoxe, que é día de Reises,
hannos dar unha carniña. [315]

Traédelle cousas
de Oriente pra El
que eu lle levo axiña
boliños do pote
e leite con mel. [316]

Vímoslle pedir pra o Neno
o leitiño pra unhas papas,
pra os que cantamos os reises
os chourizos e as patacas. [317]

---

[306] VS explica: *En estos meses, por la falta de pastos, pierden los ganados mucha carne. 'Comen más que Madrid y Toledo' dice el refrán castellano*. Ofrece tamén estas equivalencias: E.: *Enero y febrero comen más que Madrid y Toledo* (R. Marín). C.: *Gener i febrer mengen més que un poble enter* (Sanchis).

[307] Ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Janeiro molhado, se não é bom para o pão, não é mau para o gado* (Chaves); C.: *Gener mullat, bo per a la terra, mal per al ramat* (Sanchis).

[308] Temos dúbidas verbo da palabra *tempo* por se está por *campo,* pero así está no orixinal.

[309] VS: *xeneiro*.

[310] No texto: *bon, n'o e malo* (VR2); *bon, gando* (ZM); Zamora Mosquera repíteo na px. 262, e neste caso escribe: *senon e bon, non e malo*.

[311] UCA: *se n'é bô, n'é malo, gado*. PdM: *si n'e bon pra o pan, n'e malo pra o gado*.

[312] CGP3:33-34. Panxoliña recollida en Castro Caldelas. XTC1:125 recolle só os catro últimos versos; no texto: *eiquí, Dios, curral*. Filgueira, en cambio, di *como no curral hai laxas* (XFV4:114). Debemos ter presente que *lapa* e *laxa* poden ser sinónimos co significado de "pedra".

[313] JPBII:5-1. Obtido en Elviña, partido xudicial da Coruña. No texto: *Déanol'o, d'outro, Dio-se lo pague, d'hoxe*.

[314] Lama2:63.

[315] LimiaB:126. No texto: *de esta*.

[316] Lama2:57. Fragmento dun cantar de reis.

[317] Carb-L:172. É un fragmento dunha panxoliña máis longa.

12.3.2. Febreiro

Ver tamén en *xaneiro*: *Xaneiro, xeadeiro...*; *Xaneiro e febreiro...*

A xeada de febreiro mata a vaca e mailo leiro. (NevesC; XTC4; Camb1:54/70; Castre.) [318]
Cando chove en febreiro non hai bo prado nin bo centeo. (AdC:8) [319]
Cando non chove en febreiro, nin bo prado nin bo centeio. (FBB8)
Cando non chove en febreiro, non hai bon prado nin bon centeo. (PdM:8; ZM:54) [320]
En febreiro, nin bo prado nin bo lameiro. (NevesC)
En febreiro o boi rasca no castiñeiro. (XTC4)
En febreiro saca o boi do teu centeo. (ERG:febreiro)
En febreiro si a brétema pode co sol, ¡malia do pastor! (VLLM:2,87) [321]
Febreiro fai ir as vacas de cu pró eido. (VS) [322]
Febreiro tronado, bo ano pró sementado e ruín pró gado. (VS) [323]
No mes de febreiro súbete ao outeiro: si o ves negrexar, bótate a chorar. (ZM:149)
O dous de febreiro, súbete ó outeiro: se ves negrexar, ponte a cantar; se ves branquexar, bótate a chorar. (NevesC; ANV2:17; ZM:166, ZM:263) [324]
Si en febreiro trona, mal ano pró gado e bo pró sementado. (Mez1:153; XTC4) [325]
Si trona en febreiro, mal ano pró ganado e bo pró sementado. (Gud5:97) [326]
Si queres ao boi gallardo, lévao ao lameiro entre febreiro e maio. (VLLM:1,153) [327]
Si queres ao boi gallardo, líndao de febreiro a maio. (VLLM:1,153) [328]

Diálogo entre unha vella e os meses de febreiro ou marzo:

A seguir, recollemos unha ampla mostra de refráns nos que unha vella [329] imaxinaria lle fai as queixas ós fríos do final do inverno, que son perigosos para ela e para o seu gando. Os meses, cos que berra a vella, son febreiro, segundo unhas variantes, marzo ou mesmo abril, segundo outras.

A vella quéixase de que eses inacabables meses fríos mátanlle boa parte da súa facenda; e os meses respóndenlle que a cousa aínda vai ser peor, porque os primeiros días do mes seguinte van facer que lle morra o resto do gando todo, co que a hecatombe vai ser completa. É un diálogo enigmático porque a vella fala dos seus becerros ou bois pero o mes respóndelle falándolle de días.

Como acontece en refráns que orixinalmente foron dialoxismos ou fragmentos de contos, os vellos sabían quen era o que realmente falaba no refrán ou en boca de quen se pon ese refrán. E Taboada Cid (Mez1:155) di que nestes refráns quen fala é o 28 de marzo. Este dato é sorprendente e significa que aquí hai un enredo matemático. A maior parte dos refráns, como se pode ver, xogan co número vinteoito e co número catro (nalgún caso solto, co tres).

¿De onde saen estes números? Nos refráns do mes de febreiro non habería problema, porque febreiro ten *vinteoito* días e *catro* rima con *gato*. O problema aparece cando no refrán fala marzo: nese caso, e sendo certo que quen fala é o 28 de marzo, o *catro* pode ter que ver co feito de que, se contamos pola vella (é dicir, sen número 0), dende o 28 de marzo ó primeiro de abril van por certo catro días. Contar pola vella significa

[318] Camb1: na p. 54 pon *xeada* e na 70 *xíada*, mal acentuada.
[319] No texto: *bon prado, bó centeio*.
[320] No texto: *Frebreiro* (sic) (PdM).
[321] Llópiz explica que a brétema produce o perigo de perderse o gando, de caer por barrancos ou de que o ataque o lobo. Segue dicindo que esta brétema ás ovellas prodúcelle-lo teo pero tal afirmación é falsa, xa que non consta que a humidade ambiental interveña na epidemioloxía desa enfermidade (tecnicamente, cenurose). Recólleo de M. González e de M. N. Rendar, no Incio.
[322] No ms.: *ás vacas de c... pro eido*.
[323] VS recólleo de *O Gaiteiro de Lugo*, 1957.
[324] No texto: *si, pont'a* (ANV2); *ao, si* (ZM).
[325] No texto: *pro, bón* (Mez.); *pro, bó* (XTC4).
[326] No texto: *pro ganado*.
[327] Llópiz recólleo de M. Bernárdez en Ancorada (Pontevedra).
[328] Llópiz recólleo de A. Carracedo en Monterde (Lugo).
[329] Nalgúns poucos casos é un labrego ou un pastor.

conta-lo número de partida e o número de chegada (sen existencia do número 0), coma cando nun xoves dicimos *dentro de oito días*, pensando no xoves seguinte (que son oito se non hai número 0 e o xoves inicial xa é 1). Se isto for así, estes refráns dos fríos de marzo (dun inicio frío de primavera) serían unha reliquia de cando Europa aínda non descubrira o número cero, concepto traído polos árabes, como é sabido.

Incluímos neste grupo os refráns nos que hai diálogo entre a vella e os meses de febreiro, marzo e abril, aínda que puntualmente poida non aparecer algún destes elementos.

A vella dille ó marzo: "Vaite Marzo, marzaco, cabeza de borraco, de sete becerros que tiña deixáchesme catro". "Cálate, cala, vellarota cos dentes na cota, con catro que eu teño, con catro que me ha dar meu irmau abril, heiche de meter todo no chaboril. (XTC4) [330]

Alá vaias, marzo marceiro, que aquí me quedo cos meus becerros -díxolle o labrego a marzo. -Agora virá meu irmán abril que non sei se nos deixará vivir. (NevesC)

-Cálate Marzo, marzaco, cabeza de verraco que os meus boiciños non quedaron vivos. –Cálate, vella rota, cos dentes ferrados na cota, que os que teño eu e dous que me presta meu irmau abril hei botar todos ao custabril. (XTC4)

Dille unha vella ó marzo: "Vaite marzo, marzán, cara de can, cáseque mataches os meus becerriños na corte ca fame". E dille marzo: "Cálate, vella ruza, tres que teño e tres que me presta meu irmau abril, inda chos hei botar ó chanfaril". (XTC4) [331]

Dixo no monte unha vella: "Vaite febreiriño corto cos teus días vinteoito, que, si tiveras máis catro, non quedaba can nin gato". Febreiriño contestou: "Moito: os teus becerriños oito, deixa, que meu irman marzo hachos de volver en catro". (UCA:36.14; PdM:10; MVN:245) [332]

Dixo no monte unha vella: "Vaite febreiriño corto, cos teus vinteoito, que si tiveras máis catro, non quedaba can nin gato". Febreiriño contestou: "Os teus becerriños oito, deixa que meu irmán marzo hachos de volver en catro". (MVN2:85; XMSM:57; XSL:63; UCA:38.14; UCA2:33; ZM:84; NevesC) [333]

Dixo o pastor a marzo: "Mal tratache ó meu gando; alá irás onde non volvas máis". E marzo lle respondeu: "Con tres días que me quedan e tres que me empreste meu irmán abril, poreiche as túas ovellas a parir". (ERG:marzo) [334]

Dixo unha: "Gracias a Dios, marzo, que me deixaches os meus becerriños catro". E marzo contestou: "¡Cala a boca, vella cerril, que che vén meu primo abril, que aínda che lles ha de facer caxir!". (XMSM:63) [335]

Díxolle a vella ó marzo: "Vaite marzo, marzaco, cabeza de borraco, de sete becerros que tiña, deixácheme catro". Contesta o marzo á vella: "Cálate, vella, vellarota, con dentes na cota, con tres que eu teño e catro que me ha dar o meu irmau ó vir heichos meter todos no chamburil". (XTC4) [336]

Díxolle marzo a abril: "Quédache a vaca morta naquel carril" -"¿Pra que mentes, marzo, marzogo, cara de porco?" (VS4) [337]

Díxolle o pastor a marzo: "Maltratáche-lo meu gando, alá irás onde non volverás". E respondeulle marzo: "Con trinta días que me quedan e tres que me preste abril, poñereiche as ovellas a parir". (NevesC) [338]

¡Gracias a Deus, marzo, que me deixáche-los meus becerriños catro! E marzo contestou: -Cala a boca, vella cerril que aí che vén abril e aínda lles ha de facer caxir. (NevesC)

---

330 XTC4: *dícelle o Marzo, deixame* (sic), *hirmau Abril*.

331 XTC4: *Dícelle, o Marzo, caseque, dícelle, hirmau, o chanfaril*.

332 No texto: *c'os teus, o meu irmán, hache de os volver; Febreiro contestou moito* (UCA); *Frebeiriño, c'os teus días, mais catro, hirman* (PdM); *Dijo n'o monte, vèlla, c'os teus dias vint'e oito, tuveras mais, Febreiro contestou moito:, deija, hirman, hách'os* (MVN).

333 No texto: *n-o, vélla, c'os, vint'e oito, tuveras, hirman, hách'os* (MVN2); *venteoito, contestóu* (XMSM); *vintaoito, contestóu, irmán* (XSL); *c'os, vinta oito, mais catro, contestou moito, hache de os volver* (UCA); *c'os, vinta oito, más catro, hirman, hach'os* (UCA2); *cos teus días vintaoito, contestóu* (ZM); *curto, hache de os volver* (NevesC). A mesma fonte dá como refrán completo o que segue en dúas versións: *Cala que ehí ven meu primo Abril que co coiro das oito á feira te ha facer ir / Cala que ehí ven meu irmán Marzo que de oito soio che ha deixar catro* (ZM:51).

334 No texto: *tuas*.

335 XMSM: *contestóu, ven*.

336 XTC4: *deixáche-me, irmáu, o vir*. E engade como epílogo da discusión: *e matou os sete*.

337 Compárese con estoutro que ofrece o propio VS4: Díxolle marzo a abril: *"Si me axudaras... pro non me fio de ti"*. Di que o recolle d'*O Gaiteiro de Lugo*. 1959.

338 Parece que hai que datar no día 1 de marzo este diálogo.

-*Marzo marzaco, cara de burzaco; tiña os meus becerriños oito, deixáchesme os meus becerriños catro. -Cala, cala, que vén o meu irmau abril e os ha de botar ó chavaril.* (XTC4) [339]
-*Vaite, frebeiriño, vaite, cos teus días vinteoito, que se tuveras máis catro non quedaba can nin ghato. Frebreiro contesta: "Pois deixa que atrás vén meu irmao marzo que che vai poñer as peras a carto que os teus boiciños da oito hachos de volver a catro".* (FFR:464,119) [340]
-*Vaite, marzo, marzaco, que me deixaches os meus becerriños catro. -Cálate, vella ruza, que con dous que me quedan e tres que me preste meu primo abril, heichos levar ó costebril.* (XTC4) [341]
-*Vaite marzo, marzaco, que os meus becerriños quédanme todos catro. -Dous que me quedan e dous que me ha de prestar o meu irmán abril, heichos de botar ó chambaril.* (Mez1:155) [342]
-*Vaite marzo, marzal, de oito becerros déixasme catro. -Inda me quedan dous, cos dous que me deixe o irmán abril heiche de botar todos ó funil.* (XTC4) [343]
-*Vaite, marzo marzano, xa me vas deixando meus boiciños catro. -Con tres que teño e catro que me preste meu primo abril, heichos chamar todos catro ó chameril.* (VS)
-*Vaite marzo, marzoso, cara de gato que dos oito solo che hei de deixar cuatro. -Cálate, vella calarza, que eiquí vén o meu irmau abril que co pelico dos oito á feira te fai de ir.* (XTC4) [344]
-*Vaite, meu febreiriño corto cos teus días vinteoito, que na miña cuadra me deixas os meus becerros todos oito. -Cálate vella calarza que eí vén o meu irmau marzo que dos oito solo che vai deixar catro.* (XTC4) [345]

Nalgúns casos só recollémo-la interpelación da vella:

Adios, febreiriño corzo, cos teus días vinteoito, se duraras máis catro non deixabas can nin gato, nin pelo nin pelicarzo, nin cornas ó carneiro, nin orellas ó pigureiro. (Sete-L)
Febreiriño corto, cos seus días vinteoito, si dura máis catro non queda nin can nin gato, nin ratiño no burato, nin ovella na cortella, nin pastor pra ir coela, nin cornos no carneiro, nin orellas ó pregoeiro. (XMSM:57)
Febreiriño corto, cos seus vintaoito, si tivera máis catro non quedaba can nin gato, nin palla tras do palleiro nin orella ao pigoreiro. (ZM:109) [346]
Febreiriño corto, cos seus vintaoito, si tivera máis catro non quedaba can nin gato, nin ratiño no burato, nin corniñas ao carneiro, nin orellas ao picoreiro. (ZM:263)
Febreiriño corto, cos seus vinteoito, se duraras máis non deixarías cornas ó carneiro nin orellas ó pegureiro. (Carte.)
Febreiriño corto, cos seus vinteoito, se durase outros catros non quedaba can nin gato, nin ratiño no buraco, nin cornos ó carneiro nin ovellas ó pregureiro. (XTC4) [347]
Febreiriño corto, cos seus vinteoito, se tivera máis catro non quedaba can nin gato, nin ratiño no burato, nin cornos ó carneiro, nin ovellas ó pregoeiro. (Sob3) [348]
Febreiriño corto, cos seus vinteoito, si tivera máis catro non quedaba can nin gato, nin ratiño no burato, nin cornas ó carneiro, nin orellas ó pregoeiro. (ANV1:105; ANV2:17; ZM:110) [349]
Febreiriño corto, cos teus días vintaoito. Se tiveres máis catro, non quedaba can nin gato, nin palla tras palleiro, nin orella ó pigoreiro. (UCA2:37) [350]

---

[339] XTC4: *ven, hirmau, o chavaril*.
[340] No texto: *cos teus boiciños da oito bichos de volver a catro*. Coidamos que *bichos* é unha errata evidente por *hachos*, e que *cos* está por *qu'os*.
[341] Tamén nos dá a var. *costabril*.
[342] Mez1: *hirmau*.
[343] No texto: *déixame*; *Inda quédanme dous*.
[344] XTC4: *eiquí ven, a feira te fai de ir*.
[345] XTC4: *ehí ven, cuatro*.
[346] No texto: *máis catro, tro, non...* (sic).
[347] No texto: *o carneiro, o pregureiro*.
[348] No texto: *ghato, o carneiro, o perjoeiro*.
[349] No texto: *c'os seus, ô carneiro, ô pregoeiro* (ANV1); *c'os seus, tiveras, mais, quedara, corniñas, nin as orellas* (ANV2); *vintaoito, mais, corniñas ao carneiro, ao pregoeiro* (ZM).
[350] UCA2: *c'os teus, mais, á pigoreiro*. Quédano-la dúbida de se *orella ó pigoreiro* é erro por *ovella* pero como, de once casos, 9 mencionan *orella* e 2 *ovella,* parécenos que esta é a forma que debe preferirse.

Febreiriño cos teus vinteoito, se duraras outros catro non quedaba can nin gato, nin ovella con pelexa, nin cornas ó carneiro, nin orellas ó pregoeiro, nin palla ó palleiro, nin ratiño no burato, nin ovella rabela, nin pastora para ir con ela. (NevesC)
Febreiriño curto, cos teus días vinteoito, se tuveras outros catro non quedaba nin can nin gato, nin orellas ó pigureiro nin can tras do palleiro. (ERQ1:91) [351]
Marzo, marzaco, cabeza de gato, de oito bois que tiña deixáchesme catro. (Mez1:154; XTC4; Gud5:102)
Vaite marzo, marzaco, que me levache meus becerriños catro. (XTC4)

Noutros casos o que recollemos é só a resposta do mes:
-Cala que aí vén meu irmán marzo, que de oito só che ha de deixar catro. (NevesC)
-Cala que eí vén meu irmán marzo, que dos oito soio che ha deixar catro. (ZM:51; ZM:263) [352]
-Cala que eí vén meu primo abril, que co coiro das oito á feira te ha facer ir. (ZM:51) [353]
-Cala que aí vén meu primo abril, que co coiro dos oito á feira te ha de facer ir. (NevesC)
-Deixa vir o meu irmao marzo, que dos teus boiciños seis deixareiche catro. (VS)
-Vén o meu irmao abril, cos coiros á feira te ha de fagher ir; aghora vén meu irmao o maio, que dun becerro fai un almallo (FFR: 464,127)

E neste último caso a vella converte o diálogo xa en monólogo:
Alá vaias, marzo marceiro, que aquí me quedo cos meus becerros; agora virá o teu irmán abril que non sei se mos deixará vivir. (ERG:marzo; GEG:marzo) [354]

A seguir recolleremos unha presada de refráns paralelos que aínda que non falen da vaca axudarán a comprender mellor os anteriores:

Aí vén febreiriño tolo, cos seus días vintaoito: si tivera máis catro non deixaba can nin gato. (UCA2:26) [355]
Aí vén febreiro cos seus vinteoito: si tivera máis catro non deixaba can nin gato. (EAG:34) [356]
Febreiriño corto, cos seus vintaoito, si tivera máis catro non quedaba can nin gato. (ZM:263)
Febreiriño corzo, cos seus días vinteoito, se duraras máis catro non deixabas can nin gato. (Sandiás:111)
Febreiriño cos teus vinteoito, se duraras outros catro non quedaba can nin gato, nin ovella con pelexa. (NevesC)
Febreiriño curto cos teus vinteoito, e contou e recontou, vintenove lle atopou. (NevesC)
Febreiriño curto, cos teus días vintaoito, se tiveras (duraras) *máis catro, non paraba* (quedaba) *can nin gato.* (UCA:38.13) [357]
Marzo, marciego, para tres días que che faltan xa non che teño medo. –Tres que me faltan e tres que me ha de prestar abril, heiche de mete-los cabritos no cubil. (NevesC)
Marzo marzán, cos teus trinteún, pró leite que dás, ben che chegaban vinteún. (VS)
Vaite febreiriño corto, cos teus días vinteoito, que si tiveras máis catro non quedaba can nin gato. (Riba1:208)
Vaite febreiriño cos teus vinteoito, se chegas a durar trinta, non deixas cano enxoito. (NevesC)

12.3.3. Marzo

Ver tamén en *febreiro* o *Diálogo*; en abril *En abril abre a porta....*
Ver no capítulo 13. *Todo é coma unha vaca* a presenza da vaca nas máscaras que celebran o Entroido en diferentes localidades galegas (13.3.8.).
Ver tamén na epígrafe 9.4.10. *O carro*: *Díxolle un paisano a Xúpiter...* así como as notas a *Xaneiro, xeadeiro...*

[351] No texto: *jato, pijureiro*.
[352] No texto: *ehí, ven, Marzo* (pero *marzo* na px. 263).
[353] No texto: *ehí, ven, Abril*.
[354] No texto: *nos deixará* (sic) (ERG).
[355] No texto: *Ahí, ven, c'os seus, mais*.
[356] No texto: *Ahí, ven, c'os seus, mais*.
[357] No texto: *c'os teus, mais*.

A porta ábreme en marzo que eu catarei logo o prado. (VLLM:2,94) [358]
Di o boi: "Sácame en marzo e verás como pazo". (UCA:36.14; UCA2:33; EAG:42; ZM:82; ERG:boi) [359]
En marzo bótame ó monte, verás como pazo; en abril, ábreme a porta e déixame ir. (VS) [360]
Marzo, por onde vou pazo –di o boi. (CLam3) [361]
Sácame a marzo, verás como pazo. (ANV1:100) [362]
Sácame a marzo, xa verás como pazo. (XTC4) [363]
Sácame en marzo e verás como pazo. (VLLM:2,94; FBB8)
Sácame en marzo e xa verás como pazo. (NevesC) [364]
Antroido larafuzoiro, comícheme carne e deixáchesme o coiro. (NevesC) [365]
Entroido larafuzoiro, comíchesme a carne e deixaches o coiro. (XLF2:34)
O entroido é un lavadurán, que come máis carne que pan. (Sandiás:111)
Ben come a xugada en marzo, pero ha de sudalo. (VS)
En marzo, faga bo, faga malo, os bois ao prado. (VLLM:1,141) [366]
En marzo, malo ou bo, o boi á herba e á sombra o can. (VS)
En marzo, testo ou cativeiro, saca os bois ao lameiro. (VLLM:1,141) [367]
En marzu ben ou mau os bois pal prau. (VLLM:1,141) [368]
En marzo pódese ver quen vaqueiro sabe ser. (VS)
Nas tardes de marzo recolle o teu gando. (Camb1:47; Castre.; NevesC; VS) [369]
Tardes de marzo, recolle o teu gando. (ERG:marzo; MV71; XTC4)
O vintecinco de marzo pare a vaca tres crías: as dez e a merenda e o descanso a mediodía. (Antas4) [370]
Por marzo todo ganado val o diñeiro dobrado. (VS) [371]
Se marzo volve o rabo, adiós a teu ganado. (SCD:82; SCD2) [372]
Valen máis coiros en marzo ca carne en maio. (Antas4) [373]
Vaquiña que apasta por marzo, cata ao boi por maio. (VLLM:1,156) [374]
Vaquiña que prado marceia, vaquiña leiteira. (VLLM:1,156) [375]

Das cantigas que agora imos ofrecer, catro xa apareceron como refráns noutros informantes. É un feito ben coñecido que hai cantigas populares que teñen o carácter sentencioso e a funcionalidade dos refráns pero que nunca se cantan.

---

[358] Refrán que se pon en boca do gando que pasou o inverno preso na corte por mor do mal tempo. Llópiz recólleo de E. Gaioso de Monterroso.

[359] No texto: *boy, sacame, marzo e verás* (UCA); *Dí. cómo* (ZM); "*marzo, verás*" (ERG). Outros paremiólogos poñen esta frase en boca do porco. Así, Lence Santar: *Dix'o cocho: En marzo, bótame fora e verás como pazo; y-en abril, ábreme as portas e déixame ir* (Mondo4: 52). Ver ANV1:100 e Mez:160.

[360] Saco pono en boca do gando. No texto: *ó monte.*

[361] No mes de marzo hai herba por todas partes; mesmo polos camiños; de xeito que o boi, por onde vai, se non llo privan, vai peteirando na herba.

[362] *Fala o porco* (ANV1).

[363] Taboada aplícao ó cocho.

[364] Tal di o boi.

[365] No texto: *comícheme carne e deixáchesme o coiro* (sic).

[366] Llópiz: *bó*; recólleo en Barcelas (Navia de Suarna).

[367] Llópiz: *tésto*; explica que neste mes os prados se enchen dunha herba tenra que é de cobiza para os animais que levan meses na corte; recólleo en Sandiás (Ourense).

[368] Llópiz recolle esta var. en Taramundi da fala dos Vaqueiros de Alzada.

[369] Tanto ERG como UCA, VLLM e outros, en cambio, citan o refrán contrario *Di o boi: "Sácame en marzo, verás como pazo"*. VS comenta: *Porque no venga la tempestad*, e engade estas equivalencias: P.: *Tardes de março, recolhe teu gado* (Chaves); E.: *Tardes de marzo, arrecoge tu ganado* (Correas).

[370] Porque en marzo medran os días e empeza o tempo da sesta.


[371] No ms: *doblado*.

[372] No texto: *si, adios teu ganado* (SCD); *adiós teu ganado* (SCD2).

[373] Refírese a que o mes de maio é moi rico e hai máis que comer nese mes.

[374] Llópiz explica que a herba tenra faina revivecer e anticípalle o celo. Recólleo de F. Monroy.

[375] *Marcear prado* é pacer nun prado en marzo; parece aludir a que a herba fresca faina revivecer e anticípalle o celo: ver var. *Vaquiña que apasta...*; Llópiz recólleo en Maside (Lugo) de Puga Torres.



Vaquiña que prado marceia, vaquiña leiteira (Siro).

Adiós Entroido
larafuzoiro;
comíchesme a carne
e deixáchesme o coiro. [376]

Adios Entroido
laratuzoiro
comiches a carne
e deixaches o coiro [377]

Ai, martes de Entroido,
ai, larafuzán,
comiches a carne,
deixaches o pan. [378]

Intrudio gargamalán,
comícheme a chicha
e deixáchesme o pan. [379]

O entroido é moi lambón,
moi amigo das talladas,
come todo en catro días
*e *ayuna sete semanas.* [380]

[376] XTC1:215. Taboada recólleo como cantar de rapaces na despedida do Carnaval en Souto Grande (Gomariz), no momento no que se queimaba publicamente ó Entroido. Cita a F. Fernández Ferreiro, *ABC de Madrid*, 7.02.1968. Hoxe no Nomenclátor non vemos ningún Souto Grande en Gomariz (Leiro, Ourense), porque o Soutogrande máis próximo é o de Vilariño de Conso, e o Gomariz máis próximo está en Leiro: lugares moi distantes.

[377] XTC1:245.

[378] Lama2:69.

[379] Raiaseca:268.

[380] Lama2:72.

12.3.4. Abril

O 23 de abril, festa de San Xurxo, celébrase unha romaría na parroquia de Cereixo (A Estrada) á que acoden os labregos para abenzoa-lo gran que van sementar e mailas aguilladas para tanxe-lo gando. Esta aguillada bendecida protexerá á facenda de todo mal [381].

Ver en *marzo*: *En marzo bótame ó monte...*; tamén na epígrafe 9.4.10. *O carro*: *Dúas augas de abril...*, e en 9.12. *O lobo*: *Abril, búscame no cubil...*

A auga de abril enche o carro e o carril. (DRAG; ZM:15; EAG:33) [382]
A auga de abril enche o carro e o carril, a de maio o carril e mailo carro. (Vala.)
As augas de abril enchen o carro e mailo barril. (NevesC)
As augas de abril enchen o carro e o carril e á señora que vai nil. (NevesC)
As chuvias de abril enchen o carro e o carril. (GG1:157)
Auga de abril enche o carro i o carril. (XTC4; ANV1:83; ANV2:17) [383]
Chuvia de abril, enche o carro e o carril. (PdM:9; MVN; AdC:12; UCA:38.14; UCA2:30; ZM:71, ZM:266; XLF3:59) [384]
Chuvia en abril, enche o carro e o carril. (VR2)
Abril frío e mollado, enche o arqueiro e mantén o gando. (GG1:157; XTC4) [385]
Abril frío e mollado, enche o celeiro e farta o gado. (ERG:abril; GEG:abril; UCA:36.14; ZM:31, ZM:265; DRAG; PdM:5; XFV:39; NevesC; UCA2:22; VS) [386]
Abril frío, pan e viño; abril frío e mollado, enche o celeiro e farta o gado. (XTC4) [387]
Abril quente e mollado, carga o carro e enche o gado. (UCA:36.15; UCA2:26; EAG:33; GG1:157; DRAG) [388]
Abril quente e mollado carga o carro i enche o gando. (XLF3:59; VS) [389]
Abril quente e mollado, carga o carro e enche o gado; abril frioleiro e enxoito, nin pra min nin pra outro. (VS) [390]
Abril quente e mollado, carga o carro i engorda o gando. (ERG:abril; XTC4) [391]
No abril mollado, engorda o porco e medra o gado. (Parade.:303)
O abril, frío e mollado, aula [sic] *o celeiro e farta o gado.* (VS) [392]
De san Martiño a abril mercar os queixos mil. (VS) [393]
No mes de abril fai queixos a mil. (MC:91)
No mes de abril fai queixos mil. (XTC4)
No mes de abril fai queixos mil e no de maio fai tres ou catro. (ERG:queixo; VS)
No mes de abril fai queixos mil, no mes de maio fai tres ou catro. (Camb1:47; Castre.)

---

[381] CGP3:82.

[382] No texto: *d'abril, henche* (EAG). Engade Álvarez Giménez o paralelo castelán: *Agua de abril llena el carro y el portillo*, explicando que *llenar el portillo* é *frase hiperbólica para indicar la abundancia del fruto*. Debemos mencionar tamén que Zamora Mosquera recolle estoutra forma que non sabemos se considerar erro ou variante: *O viño de abril enche o carro i o carril* (ZM:185).

[383] No texto: *d'abril, henche, y-o* (XTC4); *d'abril, ench'o, y-o* (ANV).

[384] No texto: *d'Abril* (PdM); *d'abril, hènche* (MVN); *chuiva* (ZM); *i o carril* (XLF3).

[385] XCT4: *henche, arquiro, gado*.

[386] No texto: *gado* (ZM:31), *gando* (ZM:265); *ao gado* (PdM); *gando* (NevesC); *frio* (UCA2); *henche* (VS). VS ofrece estas equivalencias: P.: *Abril frio e mollado, enche o celeiro e farta o gado* (Chaves); E.: *Abril frío, hinche el silo, y mojado, silo y campo* (Correas), *Abril mojado, panes trae en el saco* (R. Marín), *Abril frío y mojado, hinche el granero y harta el ganado* (R. Marín); C.: *Fred en abril, no faltará pa ni vi* (Sanchis).

[387] *Abril frio pão e vinho; abril frio e molhado enche o celeiro e farta o gado* (XTC4:166). Realmente o ms. di *Abril frio pao é vinho abril frio é molhado enche o celeiro e farta o gado*.

[388] No texto: *gando, henche* (EAG); *gando* (GG1). Este refrán e o seguinte parecen contraditorios cos anteriores, que falan de abril *frío*, non de abril *quente*.

[389] VS no ms.: *y henche*.

[390] No texto: *i-enche, i-enxoito*.

[391] ERG: *gando*; XTC4: *gado*. Taboada Chivite recólleo do calendario *O mintireiro verdadeiro* 1969.

[392] Este refrán, relativamente frecuente, remata en *enche o celeiro e farta o gado*. Supoñemos que '*aula*' é un erro do autor do manuscrito, que máis dunha vez presenta grafías difíciles de ler.

[393] VS: *mercaros queixos mil / mercarás queixos mil*. Saco comenta que *Porque con la abundancia y mejor calidad de los pastos, es mejor la leche. Son los quesos que se llaman da nabiza*, e engade os seguintes equivalentes: P.: *Em abril queijos mil, e em maio, 3 ou 4* (Chaves); C.: *Castanyes per Nadal, saben bé i es partixen mal* (Alberola).

No mes de abril fai queixos mil; no de maio, tres ou catro. (ERG:abril; VS)
O queixo e o barbeito, en abril ou maio sea feito. (ERG:queixo) [394]
Égoas e vacas por abril andan fracas. (VLLM:2,87) [395]
Égoas e vacas por abril as máis delaivadas. (VLLM:2,87) [396]
En abril, abona forte, poda curto e ara fondo, xa verás como tes viño e pan abondo. (NevesC)
En abril morre a fraca, a colmea, non a vaca. (AO:trobo) [397]
En abril, abre a porta e déixame saír; quítame en marzo e verás como pazo. (NevesC)
En abril, abre a porta ó gado e déixao ir. (UCA2:35; XLF2:33; EAG:42; DRAG) [398]
En abril, abre a porta ó gado e déixao saír. (VS) [399]
En abril, ábrelle a porta ó gando e déixao ir. (ERG:abril; NevesC; ZM:93, ZM:266) [400]
No abril, abre a porta ao gado e déixao ir. (UCA:36.15; UCA2:47) [401]
No abril, ábrelle a porta ao gando e déixao ir. (ZM:148)
O boi dixo: "en abril ábreme a porta e déixame ir". (Sob3) [402]
O abril que ha de ser abril, han de folgar os bois quince días nil. (FBB8)
O leite de abril pra min. (VS) [403]
Se non neva en abril énche-lo carro e mailo barril. (NevesC)

12.3.5. Maio

No primeiro día de maio había quen se erguía cedo e sacaba o gando da corte para que lle desen os primeiros raios do sol e así non andase *amaiado* o resto do ano. Outra medida para evitar que *entre o maio* nos animais consiste en colocar na porta da corte un ramo de xesta (VLQ:314).

En case toda Galicia e norte de Portugal había o costume de que na Cruz de maio (o día tres, festa da Santa Cruz) non se podía xunguir nin ata-lo gando, para que non lle pasase nada malo nese ano [404]. Nos Ancares, os pastores enfeitaban o gando e entregábanllo ós seus donos con guirlandas de flores e ramallos arredor do pescozo. En Murias de Rao (Navia de Suarna) cantaban nunha cerimonia semellante esta cantiga [405]:

Aí vos van as vacas
gordas e bizarras
pero nós estamos tristes
coa pouca merenda.

Ver tamén en febreiro: *Si queres ao boi gallardo...*; en marzo: *Vaquiña que apasta por marzo...*; en abril: *A auga de abril enche..., No mes de abril fai queixos mil, O queixo e o barbeito, en abril...*

---

[394] ERG: *i o barbeito, Abril, Maio*.

[395] Llópiz explica que andan fracas porque levan meses pechadas na corte e porque o vigor da herba nova altéralle a dixestión e pro-dúcelle cólicos. Se a primeira parte da explicación parece correcta, a segunda parécenos discutible. Non debe se-lo vigor da herba fresca o que produce trastornos senón o cambio de alimentación de palla e herba seca, que reciben no inverno, á herba fresca que pacen no campo na primavera: isto si que pode provocar trastornos dixestivos coma calquera cambio alimenticio brusco. Pero un correcto manexo dos animais evita este cambio brusco e, polo tanto, pode evita-lo problema.

[396] Llópiz explica que *delaivada* significa escuálida.

[397] Refráns semellantes, como *A ovella do probe no maio morre* (XMSH:135), *Ovella vella i-enxame probe, en marzo aléa i-en mayo morre* (AdC:10; ANV1:92), *Ovella vella e colmea pobre, sai do inverno i en maio morre* (Parade.:225), *Enjamio pobre, se d'o inverno sae, en mayo morre* (EAG:43) , *Enxamio probe, no inverno nace e no maio morre* (UCA:38.07), *Enxamio podre, nace no inverno e no maio morre* (UCA2:36) e outros recollidos de Carré Aldao, Álvaro das Casas, Zamora Mosquera e Llópiz cadran en que os enxamios podres ou pobres morren en maio e non en abril. Pero a explicación que nos dan algunhas das fontes é igualmente válida para calquera dos dous meses: os fríos que indefectiblemente chegan nestes meses primaverais acaban coas abellas das colmeas máis débiles e vellas, ou coas ovellas tosquiadas.

[398] No texto: *ao, deixao* (UCA2); *abr'a, ò gado, deixao* (EAG).

[399] VS recólleo coas variantes *abr'a porta* (ms), *salir* (ms4); *as portas* (ms16), e ofrece as seguintes equivalencias portuguesas: *Em abril, abre a porta à vaca e deixa-a ir* e *Em abril guarda o gado, e vai onde tens de ir*.

[400] ZM: *galo* (sic) nas dúas ocasións, que consideramos erro polos paralelos e porque o mesmo autor dá a variante *No abril ábrelle a porta ao gando e déixao ir*.

[401] No texto: *deixao* (UCA, UCA2).

[402] No texto: *deixame*.

[403] No texto: *A leite d'abril*. Saco comenta que *Por los pastos y no es aún intenso el calor*, e ofrece as seguintes equivalencias: E.: *La leche de abril, para mí; la de mayo, para mi amo* (*para su hermano*), *y la de junio para ninguno*. Lémbrese tamén o paralelo: *En abril, o salmón para min, no maio para o criado, e no san Xoan para o can*.

Ver tamén nas epígrafes 9.4.10. *O carro*: *Abril chuviñoso..., Díxolle un paisano a Xúpiter ...*, *Maio pardo....* e *Xaneiro, xeadeiro...*; e 9.12. *O lobo*: *En abril cabemos..., En abril cátanos...*

A auga de maio carga o carro. (PdM:7) [406]
Auga de maio carga o carro. (XLF3:59)
Auga en maio carga o carro. (NevesC)
A manteiga de maio dura todo o ano. (VS) [407]
A porca de maio ou no principio ou no cabo, e han para-los bois quince días antes ou despois. (Carte.) [408]
Antes de mediados de maio manda os bois ao prado, despois de mediados máis que a auga corra tralo carro. (EGE:19)
En maio quince días os bois ó prado, antes no principio ca no cabo. (Carb-L:195; VS) [409]
No maio quince días os bois ó prado, antes no principio ca no cabo. (VS)
Que bo maio, que mal maio, han de estar os bois quince días na corte sin saíren pró prado; e val máis no principio que no cabo. (VS) [410]
Que bo maio, que mal maio, quince días os bois ó prado, antes no principio ca no cabo. (Vilam.) [411]
Que bo maio, que mal maio, quince días os bois ó prado, e máis val no principio que no cabo. (ANV2:17; XFV:38; ZM:207, ZM 269) [412]
Que bo maio, que mal maio, quince días os bois ó prado e máis vale no principio ca no fin. (NevesC)
Que bon maio, que mal maio, quince días os bois ó prado. (VS)
Que bon maio, que mal maio, quince días os bois no prado, e máis val no principio que no cabo. (VS) [413]
A vaca do veciño no mes de maio bota o millo, inda qu'a auga corra tras do arado. (VS4) [414]
Are quen arou, que maio xa pasou. (XTC4)
Are quen arou, que xa maio entrou. (NevesC)
Auga en maio detrás do arado. (NevesC)
Auga entre maio e xuño val máis cós bois e o xugo. (Carb-L:157) [415]
Val máis a iauga entre maio e xuño que os bois e o xugo. (VS4) [416]
Decrúa en maio, bima en San Xoán, esterca ben e collerás bo pan. (Mez.; Gud5:100; NT:28) [417]
Dendes maio a novembro o pasarei na braña, e non con ovellas senón con vacas. (VLLM:1,140) [418]
En maio bebe o boi detrás do arado, e se non bebe, malo. (Camb1:54; Castre.; NevesC) [419]
En maio inda bebe o boi no prado. (ERG:maio; GEG:maio; ANV2:17; JASA:342; JASA3:221; UCA:36.15; UCA2:35; VLLM:1,141; ZM:96; EAG:43; AdC:13; PdM:11, PdM:30; VS; XFV:38; XTC4; ZM:267) [420]
En maio inda o boi bebe no prado. (UCA:36.15; NevesC) [421]

---

[404] CGP2:16, CGP3:82. Clodio González ten recollida esta crenza en lugares tan dispares como Villestro (Santiago), Urdilde (Rois), Cuntis (Pontevedra), Cenlle (Ourense), Ponteareas (Pontevedra), Rao (Navia de Suarna), Zacande (Meis, Pontevedra), A Barcala (A Coruña), Dombodán (Arzúa), Arca (O Pino), Vila de Cruces (Pontevedra), Toques (A Coruña) etc.

[405] Datos e cantiga que ofrece CGP2:16-18, cantiga que, por certo, coma algunhas outras, carece intencionadamente de rima.

[406] No texto: *Mayo*.

[407] VS mc: *do maio*, ms2: *de mayo*.

[408] En maio ten que haber quince días de mal tempo, a esta quincena é ó que chaman *porca de maio*. Tamén recollemos estas variantes: *A porca de maio val máis no comenzo que no cabo* (ZM:25), *A porca de maio, vale máis nos comenzos que no cabo* (ERG), *A porca de maio vale máis no principio que no cabo* (XAB1:35), *Porca de maio val mais nos comenzos que no cabo* (XAB1:40), *Porca no maio, val máis no comenzo que no cabo* (ZM:204, ZM:269).

[409] Carb-L: *que no cabo*.

[410] VS recolle este refrán con estas variantes: *bon maio*, *boo maio*, *boo mayo*; *han estar*; *sen saíren*.

[411] Sexa bo ou malo o mes de maio, é conveniente bota-los bois ó prado.

[412] No texto: *bon mayo, dial-os bois, mais val* (ANV); *bon, mais, non cabo* [sic] (XFV); *bon, ao prado* (p. 207) / *no prado* (p. 269), *no comenzo* (ZM).

[413] No texto: *mayo*.

[414] VS4 di que o recolle de Antonio Trigo García (Carballo).

[415] Carb-L: *Xunio*, *que os*.

[416] VS4 di que o recolle d'*O gaiteiro de Lugo*. 1959.

[417] No texto: *decrua, vima, Xoan, bon* (Mez.); *decrua, Mayo, bina, Juan, coieras, boo* (NT). Bimar é facer unha segunda sacha ós cereais.

[418] Llópiz di que é da fala dos Vaqueiros de Alzada.

[419] NevesC: *senón*.

[420] No texto: *mayo* (ANV2, JASA, UCA, UCA2 e PdM); *n-o* (JASA); *mayo, n'o prado* (EAG); *ainda* (AdC, VS); *Mayo, n-o prado* (JASA2).

[421] UCA: *mayo*.

En maio inda o boi bebe no prado, mais si ben non o empeza, inda ben non o acaba. (VS4) [422]
En maio, que beba o boi no prado, e si non mal lle vai ó ano. (Gro1) [423]
En maio, que corra a auga detrás do arado. (ZM:97)
No maio bebe o boi no prado, e se non bebe, malo. (Camb1:54; Castre.)
Polo maio beben os bois no agro. (FBB8)
En maio colle os bois e mais o arado. (VS)
En maio que chova ata entullarse o carro. (NevesC)
En maio vai a mosca do boi ó cabalo e, si é de lei, vai ó cabalo e non deixa o boi. (VS) [424]
Maio pardo carga bois e carro. (XTC4)
Maio pardo e san Xoán craro ateigan carril e carro. (MV89)
Maio pardo e san Xoán enxuto, quebran os carros co fruto. (Gud5:101)
Maio pedrado destroi a froita e non farta o gado. (VS)
Maio que vén temprado e chuvioso, pra todo o gando é proveitoso. (VS) [425]
Maio temprado e chuvioso, pra todo o gando é proveitoso. (VS) [426]
Malo o maio que non bebe o boi no prado. (VS)
No mes de maio, bois e vacas no prado. (VS)
No mes de maio non leves o boi ó prado. (VS)
No mes de maio, cérranse as paneiras da xente i ábrense as das vacas. (Viana5) [427]
O touro, o galo, a troita e o barbo, no mes de maio. (ERG:maio; CGP:46; XTC4) [428]
Touro e galo, troita e barbo, todo en maio. (VS) [429]
Quen compra vacas en maio mantén todo o ano. (Antas4) [430]
San Fernando ábrelle as portas ás moscas do gando. (Lourei2) [431]
San Fernando, moscas voando. (VLLM:2,285)
San Fernando, pulgas á xente e moscas ó gando. (Camb1:47; Castre.; NevesC)
San Fernando trai as moscas, san Enecón trai o moscón. (VLLM:2,285) [432]
Se san Xoán vén craro e maio pardo, da leira prá casa chirriará o carro. (XTC4) [433]
Vacas por maio e mulleres nas vodas, veña o demo i escolla. (VLLM:1,155) [434]
Val máis queixo de nabo, que catro de maio. (EGE:19)
Val máis un de nabo, que catro de maio. (ANV3) [435]
Val máis un queixo de nabo, que catro de maio. (XTC4; ZM:247, ZM:269; VS) [436]
Valen máis coiros en marzo ca carne en maio. (Antas4) [437]
Vranciño de maio e san Xoán mexado, herbeira nos eidos e axóuxeres no prado. (MV89)

---

[422] VS4 di que o recolle entre A Estrada e a Ponte Ulla. No texto: *non-o*.

[423] *Léxico de O Grove,* s.v. *maio*. No texto: *bai*.

[424] VS comenta que *Por el aumento de calor que se observa ya en algunas zonas*, e ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Em maio deixa a mosca o boi e toma o asno* (Chaves); E.: *En el mes de mayo, deja la mosca al buey y toma al asno* (Sbarbi), *En el mes de mayo, deja la mosca al buey y se le va al caballo* (R. Marín).

[425] No texto: *Mayo*.

[426] No texto: *Mayo*.

[427] *Peneira* neste caso debe de ser, como di ERQ referido a Vilar de Santos, aquela parte da casa na que se gardan as patacas e mailo verde do gando (e no que adoitaba estar tamén o tear). O refrán supoñemos que quere dicir que en maio o alimento da xente está esgotado e, en cambio, o do gando está en plenitude de produción.

[428] ERG: *i o barbo*.

[429] No texto: *mayo*. VS ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Touro galo, e barbo, todos têm sazão em maio* (Chaves), *Touro galgo* (ou *galo*) *e barbo, todos têm sazão em maio* (Chaves); E.: *El toro y el gallo, en el mes de mayo* (Correas), *Toro y gallo, trucha y barbo, todo en mayo* (Correas).

[430] O informante di que tal pasa porque as vacas en maio están moi cheas e despois baixan no prezo, e non se poden vender polo mesmo en todo o ano.

[431] Fai referencia á chegada das moscas nos comezos do verán. Crese tamén que son as bruxas as que traen as moscas no San Xoán.

[432] Llópiz: *San Eneón.* San Fernando é o 30 de maio e san Enecón (san *Íñigo* en castelán) é o 1 de xuño; quere dicir que veñen xuntos. Entendemos que se trata de san Enecón, xa que non atopamos ningunha outra cita que confirme a lectura *Eneón.*

[433] No texto: *ven*.

[434] Llópiz: *bodas*, *i-escolla*; explica que polo rebulideiras que están nesas ocasións; recólleo de J. Lorenzo (*Refranes de Lobeira*).

[435] Refírese a un queixo feito co leite das vacas que comen as follas do nabo. No texto: *mayo*.

[436] Recólleo d'*O gaiteiro de Lugo*, ano 1966, e do *Almanaque Agrícola ZZ* 1969.

[437] Refírese a que o mes de maio é moi rico e hai máis que comer nese mes.

12.3.6. Xuño

Semellante ó que xa dixemos no mes de maio, tamén existe a crenza de que o día de San Xoán resulta beneficioso ou, mellor, protector do agro, do gando e das plantas. E por tal motivo, en Asturias existía a tradición de sacar ó campo nesa data todo o gando da casa, para que recibise a bendición de San Xoán [438]. Na epígrafe 12.1.8.2., onde se explica a profilaxe contra o mal de ollo, xa describímo-las crenzas relacionadas coa noite de san Xoán.

Lence Santar recolleu en 1938 en diferentes localidades de Alfoz e O Valadouro este costume de bota-las vacas, os bois, os cochos, as bestas e mailas ovellas ó orballo de San Xoán, e engade: *Din qu'é cousa moi boa facer esto, porque o gado engorda e pônse de boa pelaxe* (Mondo4:58).

Ver tamén en xaneiro *Tantos días de sol en xaneiro...;* en maio: *Auga entre maio...*, *Decrúa en maio...*, *Maio pardo...*, *San Fernando trai as moscas...*
Ver tamén en 9.4.10. *O carro: Abril chuviñoso...* e *Díxolle un paisano a Xúpiter ...*

Día de san Xuán, tanto queixo como pan; día de san Pedro, tanto como un dedo. (VS) [439]
En san Pedro, tanto queixo como un dedo. (VS) [440]
En san Xoán, máis queixo que pan. (VS) [441]
En san Xoán, moito queixo e pouco pan. (Agola2)
En san Xoán, pouco queixo e moito pan. (EGE:20)
En san Xoán, queixo, viño e pan. (NevesC; ZM:270) [442]
En san Xoán, tanto queixo como pan. (ERG:San Xoán; GEG:xuño; ZM:98; UCA:36.15; UCA2:36; VS; Morlán) [443]
En san Xoán, tanto queixo como pan; polo san Pedro, tanto queixo coma un dedo, e polo Santiago, agárraselle ó rabo. (TCha:95; NevesC) [444]
No día de san Xoán máis queixo que pan. (VS)
No san Xoán, tanto queixo coma pan. (NevesC; Cur.)
O día de san Pedro tanto queixo como un dedo. (VS)
O día de san Xoán, tanto queixo como pan. O día de san Pedro, tanto queixo como un dedo. (VS) [445]
Polo San Xoán tanto queixo coma pan. (Trazo)
Por San Xoan cómese o queixo sin pan. (VS4)
Por san Xoán, tanto queixo como pan. (ANV1:87; ANV2:17; AdC:16; PdM:30; XTC4; Mondo4:62; VS) [446]
En xunio quítase a mosca ó boi e pégase ó burro. (VS) [447]
Na semana da Ascensión, tres días carne e tres días non. (UCA:35.8; UCA2:46; ZM:144; MVN2:94; ERG:ascensión/semana; XTC4; PdM:14) [448]
O moscón vén por san Enecón e vaise por san Simón. (VLLM:2,288) [449]
San Enecón trai o moscón. (VLLM:2,288) [450]

[438] DA:28.
[439] VS: *Juan*.
[440] VS: *com'on*.
[441] VS tamén ofrece a variante *Juan*. Di que o recolle de *O Gaiteiro de Lugo*, 1932.
[442] No texto: *Xoan* (ZM).
[443] No texto: *Xuan* (UCA); *Xoan* (ZM, UCA2); *Xuan, coma/como* (VS). A nosa informante de Morlán dinos que no mes de san Xoán a abundancia de herba fai que aumente a produción de leite e que, por forza, ten que aumenta-la produción de queixos, o que provoca que, se antes se comía pan cun pouco queixo, nesta época cómese tanto queixo coma pan.
[444] Isaac Rielo explica o refrán dicindo que o queixo vai perdendo calidade segundo baixa a bondade da alimentación do gando (TCha:nota 425) pero tal explicación é moi discutible. Tería máis sentido se o aplicase á menor cantidade de leite e, polo tanto, de queixo (ver *No mes de abril fai queixos mil...*). NevesC: *No San Xoán...*
[445] VS: *com'on*.
[446] No texto: *Joan, com'a* (sic) (ANV1); *Joan* (ANV2); *S. Xohán* (AdC); *coma* (PdM); *Xuan* (XTC4), *Joan, coma* (Mondo4).
[447] Saco dá este equivalente castelán: *En junio, se le quita la mosca al buey y se le pega al burro* (R. Marín).
[448] No texto: *seman, d'Ascensión* (UCA); *seman* (UCA2); *N'a semana, d'a Ascensión, dias* (MVN2); ZM: *tres días de carne e tres días de non* (ZM); *d'Ascensión* (PdM). A festa da Ascensión é variable pero adoita caer a primeiros de xuño ou últimos de maio.
[449] Llópiz: *San Eneón*; san Simón é o 28 de outubro e san Enecón (san *Íñigo*), o 1 de xuño.
[450] Llópiz: *Eneón.*

Pasando a cachela da vespra san Xoán, todos bois e vacas nun verbe curarán. (VLLM:1,151) [451]
Salvando a cachela da vespra san Xoán todos bois e vacas nun verbe curarán. (VLLM:1,151)

San Xoaniño, san Xoaniño
¡canto me tardas en vir!
soy pastor e gardo ovellas
teño ganas de saír. [452]

12.3.7. Xullo

Ver tamén en *xuño*: *En san Xoán...*, e en 9.12. *O lobo*: *En abril cabemos..., En abril cátanos...*

Baña en xulio teu ganado despois de haber sesteado. (VS) [453]
Cando o trigo é louro, é o barbo coma un touro. (JASA:337; JASA2:349; JASA3:219; UCA2:28; CGP:45; EAG:39; PdM:29; FBB:223) [454]
Cando o trigo é louro, o barbo é coma un touro. (ZM:57; CGP:45) [455]
Cando o trigo está louro, o barbo é coma un touro. (ERG:trigo)
Cando o trigo xa vai mouro, está o barbo coma un touro. (CGP:45)
O barbo é coma un touro cando o trigo está louro. (ERG:barbo; CGP:46; LLB:6; XLFG)
En Santa Mariña, xa amada a vaquiña. (VS) [456]
San Cristovo logo chega, imos mercando a chapreira. (VLLM:2,22) [457]
Santa Ana ca súa canada e Santiago co seu canado. (VS) [458]

---

[451] Llópiz cita este refrán gramaticalmente peculiar (*vespra san Xoán*, *todos bois*, *nun verbe*) que recolle de Martín Lázaro, prof. veter. en Pontevedra en 1916; alude á práctica supersticiosa de facer pasa-lo gando por riba da fogueira (*cachela*) da noite de san Xoán para curar certas enfermidades, se ben pode que teña tamén carácter de ofrenda para a prosperidade do gando. Alfredo Brañas (AB:22.3.1890, 197) evocou este rito nestes premiados versos:

Eran as once e media e xa a fogueira
converteuse en montón d'ardentes brasas,
qu'os rapaces con paus esparexían
por enfrente da casa.
Pol-as cinzas d'o lume así dispostas
todol-os bois d'aquel lugar pasaron,
pois ô pasar curábanse n'un verbo
s'estaban embruxados.

[452] VLLM:1,94. Recóllea en Valvoraz, Ourense. Llópiz explica que o recolle de Alonso Garrote (*Dialecto Popular leonés*) e que alude a que por san Xoán, despois de axusta-las contas do fato, os pastores quedan libres. Non habendo hoxe no nomenclátor de Galicia ningún *Valvoraz* supoñemos que se refire a un Balboraz ou Valborraz que menta Santiago Alonso Garrote no seu libro *El Dialecto vulgar leonés hablado en Maragatería y tierra de Astorga* (P. López, Astorga 1909).

[453] No texto: *d'haber*. Esta paremia procede das *Máximas y refranes gallegos* que Jacinto de Prado foi publicando en diferentes números do periódico *La defensa* de Lalín en 1906. Nesa colección hai moitas que parecen creación do coleccionista e esta é unha delas non só por non ter paralelo ningún nin aire de ser popular senón tamén polas irregularidades gramaticais.

[454] No texto: *com'un* (EAG, JASA); *e louro, e o barbo* (PdM); *como* (FBB). Bouza Brey explícao así: *Esto es que el barbo está en sazón cuando madura el trigo, o sea en el mes de julio*. Saco y Arce informa que este é un refrán galego mal traducido por Hernán Núñez que o transformou en *Cuando el trigo está loro, es bravo, como un toro.* Clodio González explica que o barbo se trata dun peixe de río, *pero nas rías galegas danlle este nome tamén ó salmonete, non sabendo cando se refiren a un ou o outro*. Parece ser tamén boa época para outros peixes, a xulgar polo refraneiro: *Cando o trigo é louro, o muxe vale ouro* (CGP:36); *O muxo val ouro cando o trigo está louro* (Corme1:506).

[455] No texto: *como un touro* (ZM); *está coma un touro* (CGP).

[456] Porque, di Saco, *Llegada esta época, se tranquiliza el animal porque no le molestan tanto los insectos*. Recólleo en San Pedro de Orrios, no Courel.

[457] Llópiz: *Cristobo, ímos;* explica que os veciños de Viñas, preto da Coruña, cando vén vindo o día do seu patrón, mercan unha becerra ou becerro para sacrificalo e comelo en familia en festa campestre e chámanlle *chapreira* a esta res. Semellante celebración faise en Carnés (Vimianzo, A Coruña), nunha festa que se remonta ó ano 1700 e que preside o santo, colocado durante o xantar de callos nun lugar preferente (XFR:216).

[458] Aínda que Saco recolle desta forma esta paremia, é sabido que forma parte dun refrán máis amplo que xa vimos varias veces: *Chuvia na semá da Ascensión, cria nos trigos mourón; pro é un regalo san Pedro co seu canado, san Cristobo co seu cobo, santa Mariña coa súa regazadiña, Santiago co seu canado, san Lourenzo co seu caldeiriño penzo, Nosa Señora coa súa ola e san Miguel co seu tonel*. O adx. *penzo* significa "que está fóra de sitio, desequilibrado ou en pendente". Xa o vimos en 3.2.25 (entrada 4040). VS cita a equivalencia portuguesa de Chaves: *São Tiaguinho, sempre traz seu cabacinho*.

12.3.8. Agosto

Ver tamén no capítulo 9.12. *O lobo*: *Abril, búscame no cubil...*

Agosto ardeiro, herba no palleiro. (Gud5:86)
Agosto ardenteiro, herba no palleiro. (VS) [459]
Anda a silva en flor, pon a canada ó sol. (VS)
Cando a silva bota a flor, pon a canada ó sol. (Carte.) [460]
Cando as moras andan ó sol, hai que poñer a canada ó sol. (VS) [461]
Desque a silva bota a frol, pon a canada ó sol. (AGA:85; ZM:80; VS) [462]
Ves a silva na flor, pon a canada ó sol. (VS) [463]
Ves a silva na flor, pon o canado ó sol. (VS)
As moscas polo san Narciso pican de a cinco. (VLLM:2,285) [464]
Despois de agosto faise o costro. (VS) [465]
O costro de agosto saca o magosto. (VS) [466]
O becerriño no agosto ten frío. (ERG:becerriño; NevesC) [467]
O día de san Bartolomeu, dice o inverno: ¡Alá vou eu! I o día de san Simón, alza bois e timón. (XTC4; ANV4:18) [468]
O maínzo que espiga antes de san Bartolomeu, é meu; o que espiga despois, é dos bois. (EGE:47)
O millo que barba diante do san Bartolomeu, inda é meu; o que barba dispois, é dos bois. (VS)
O millo que barbea denantes de san Bartolomeu, é meu; o que barbea despois, é dos bois. (EGE:47; TMon2) [469]
O millo que madura antes de san Bartolomeu é meu, e o que madura despois, é dos bois. (VS) [470]
O que abarba antes de san Bartolomeu é meu, o que abarba despois é dos bois. (XFR:166; Antas5) [471]

12.3.9. Setembro

Quen en San Miguel esterca, desde a casa rega. (Grou) [472]

Lévame no carro, leva,
San Migueliño das uvas.
Lévame no carro leva,
comerei as máis maduras. [473]

---

[459] VS explícao porque *Es la época de la siega y el calor favorece*.

[460] Explícanos este refrán que, como xa non hai leite, sobra a canada de muxir. Estamos ante un refrán hiperbólico, porque na Galicia interior, onde se recolleu este refrán, a floración da silva acontece en xuño ou xullo e nesa época a secura do verán agosta os prados e reducindo a calidade da alimentación do gando empeza a diminuí-la produción de leite. Pero dar menos leite non é estiñar e, polo tanto, a canada aínda se segue precisando. Coma noutros casos, este refrán constrúe a súa metáfora sobre unha hipérbole: así en Pontevedra dise *En chegando a Peregrina* (16 de agosto), *inverno encima*: e, sendo certo que na segunda quincena de agosto un xa nota que as calores de xullo empezan a refrescar, mesmo así, cómpre recoñecer que setembro trae moitas veces calores que fan *seca-las fontes e arde-los montes*, como tamén din outros refráns. É a hipérbole característica de certos refráns.

[461] VS comenta que *Al perder la hierba vitalidad, escasea la leche*. No texto: *Cuando*.

[462] ZM: *ao sol*.

[463] A explicación é semellante: *Cuanto florece la zarza por agosto ya las yerbas tienen menos jugo y las vacas dan menos leche*.

[464] Llópiz: *d'a*. San Narciso, bispo de Girona en tempos de Diocleciano (séc. IV), defendeu, segundo lenda catalana, a súa cidade no ano 1286 facendo marchar de alí un exército ocupante francés, mandando contra el un enxamio de moscas velenosas que produciron 40.000 baixas no inimigo. O problema é que este san Narciso *das moscas* celébrase o 18 de marzo. Nos calendarios relixiosos figuran outros santos deste nome con festa en setembro e outubro. Debe ser algunha festa local nos meses de verán, para que o refrán teña lóxica; de feito, Llópiz sitúao no 15 de agosto.

[465] No texto: *d'agosto*.

[466] No texto: *d'agosto*.

[467] ERG: *tèn*.

[468] No texto: *dia, y-o* (XTC4); *Bartoloméu, aló, y-o, boys* (ANV4). San Bertomeu, o 24 de agosto; san Simón, 28 de outubro.

[469] No texto: *dinantes* (TMon2).

[470] VS: *do San Bertolameu/d'o San Bertolameo, i-o*.

[471] Refírese ó millo. No texto: *Bartolomé, e meu, e dos bois* (Antas5).

[472] No texto: *desd'a casa*.

[473] XLRG:62.

12.3.10. Outubro

Ver tamén en xuño: *O moscón vén...*e en agosto: *O día de san Bartolomeu...*
Para as aradas deste mes, véxase en 9.6. *Arar* o refrán *Na semana do san Lucas...* e mailos paralelos e complementarios.

¡Arriba, putas, que aí veñen as San Lucas! (DXC:48) [474]
O que deixa a Coresma e as san Lucas, dígao a incrusa. (XMSH:51)
O que deixan a Coresma e as feiras de san Lucas, dígao a Incrusa. (VLLM:2,24; NevesC; VS)[475]
As enchentes de san Simón sonadas son; ou antes ou despois enchen o carro e mailos bois. (EAG:45; XLF3:66) [476]
Cando chega Galo, vacas e bois sin estabro. (XFR:285) [477]
Cando Galo chega, os bois na corte se estean. (VLLM:1,137)
Por san Galo, ara por costa e por chao. (XFR:285)
Por san Galo, bois e vacas fóra do estabro. (XFR:285)
En outono bota as patacas e garda cedo as vacas. (ZM:97, ZM:273)
En outono levanta as patacas e garda cedo o gando. (NevesC)
En outubre a terra esterca e cubre. (NevesC)
Polo outubro a terra esterca i cobre. (Maceda2)
San Simón, si me pillas unha mosca, douche un millón. (VLLM:2,288)

12.3.11. Novembro

Ver tamén en maio: *Dendes maio a novembro...*
Ver tamén no capítulo 9.12. *O lobo*: *Abril, búscame no cubil...* Para as aradas deste mes, véxase en 9.6. *Arar*: *Por santa Andrea...* e mailos refráns paralelos e complementarios.

Por santa Catariña, a millor chaciña. (XFR:193) [478]
Por santa Cecilia, o boi á cibeira. (VLLM:1,151) [479]
Tódolos santos, bois polos estabros. (VLLM:1,153) [480]

12.3.12. Decembro

Taboada Chivite [481] recolleu as diferentes formas de celebrar o Nadal en Galicia e del tomámo-las seguintes notas relacionadas co gando vacún.

Di que é tradición galega, que non localiza, darlle ó gando unha sobrecea na Noiteboa. En San Millán (Verín) adoitan deixar sobre a mesa, unha vez rematada a cea, un pouco de leite para as ánimas que van vir durante a noite. Tamén en Verín, unha das sobremesas típicas é a *costrada*, e aínda que non nos dá ningunha explicación sobre a súa composición e preparación, é verosímil que estea feita con costro.

Dendes a Pascoa a Nadal, andai bois pra o meu curral. (VLLM:1,139) [482]
Navidá en viernes, sementa onde poideres; Navidá en domingo, vende os bois e bótao en trigo. (ERG:navidá)

---

[474] DXC: *ahí*.
[475] Alude ás feiras de Mondoñedo. No texto: *y-as*, *dig'o* (VLLM, VS); *inclusa* (NevesC). Llópiz di que o recolle de Leiras Pulpeiro.
[476] No texto: *Las henchentes, henchen, e mais os* (EAG); *mais os* (XLF3).
[477] *Galo* refírese a san Galo que, con san Florentino, festexámo-lo día 15 de outubro, data na que en Galicia adoita empeza-lo outono húmido e frío que impide os traballos do campo.
[478] Santa Catariña celébrase o 25 de novembro. Os fríos que imperan nese tempo son excelentes para cura-la chacina.
[479] Santa Icía é o 22 de novembro: nese tempo xa van feitos os traballos agrícolas que precisan bois e estes xa levan un tempo descansando por gándaras e montes; os fríos sucesivos poden facerlle mal ó gando e por iso se aconsella recollelo na corte, onda o presebe (*cibeira*).
[480] Llópiz: *Todos-os*, *pol-os*; explica que por esta época pouco teñen que face-los bovinos polos campos; recólleo de F. Lanza (Ribadeo).
[481] XTC1:117-144.
[482] Llópiz explica que a razón é que co frío non hai labores que facer; recólleo de P. Rivas Tellado, na Coruña (1919).

O día de santo Estevo córtalle o rabo ó teu becerro. (Carb-L:211; VS) [483]

Polo san Estevo rapa o becerro. (MVN2:102) [484]

Polo santo Tomé ceiba os bois e vén. (VLLM:1,151) [485]

Se a noite de Nadal está crara, ara, boi, ara; se está escura, ara, boi, no duro. (VS)

Se a noite de Navidade fai luar, labra ben pra sementar; se a noite de Navidade fai escuro, sementa no terreo duro. (UCA:38.17)

Si a noite de Navidá foi de luar, labra ben pra sementar; si a noite de Navidá foi de escuro, sementa no terrón duro. (XTC4; PdM:20; MVN2:101; ZM:222) [486]

12.3.12.1. O boi de Belén



No portal de Belén (baldaquino en San Salvador de Meis, Pontevedra).

O boi e o macho (ou burro) son un elemento esencial da imaxe que hoxe temos do contorno do nacemento de Xesús de Nazaret. Pero é curioso que ningún dos catro evanxeos canónicos (Mateo, Marcos, Lucas e Xoán) certifica tal presenza arredor do berce de Xesús. Máis aínda, Marcos e Xoán xa nin falan da infancia de Xesús. Mateo simplemente menta o nacemento (Mt 1,24) e, cando chegan os magos, o neno e os pais xa están nunha casa (Mt 2,11). Lucas é o que dá máis detalles (Lc 2,1-39) e di que, cando María deu a luz, *envolveuno nuns capizos e deitouno na manxadoira, na corte das bestas, porque dentro da pousada non había lugar para eles* (Lc 2,7). Non se menta animal ningún neste relato.

É na primitiva literatura apócrifa (é dicir, en relatos non admitidos pola Igrexa como canónicos) onde se fala deles, do mesmo xeito que só esta literatura apócrifa é a que dá os nomes dos tres *reis magos* (Melchor, Gaspar e Baltasar), dos pais de María (Xoaquín e Ana), do soldado que espetou a lanza no peito de Xesús (Lonxinos), dos dous ladróns (Dimas e Xestas) ou da Verónica.

O apócrifo *Protoevanxeo de Santiago* (de mediados do séc. II) di que o neno nace nunha cova, que ben podía servir de abeiro nocturno do gando (18,1 –19,2). E o *Evanxeo do pseudoMateo* (datado no século VI) di que nace nunha cova que se enche de luz e a ela veñen canta-los anxos (13,2) e que tres días despois se trasladan a unha corte na que un boi e un burro adoran o Meniño (14). Estes animais, boi e burro, son probable eco dun refrán que cita Isaías (1,3): *Coñece o boi ó seu novo dono; e o burro, o cortello do seu*

[483] No texto: *san Estebo* (VS). Santo Estevo festéxase o 26 de decembro. En Melide isto de lle corta-lo rabo ó becerro fanllo o 31 do mesmo mes (Mel2:410). Tamén Taboada Chivite: *Se repiten en este día* (fala do día de san Silvestre) *las burlas de Inocentes, ... unos vecinos aconsejan a otros que corten a las vacas el rabo para que no 'mosqueen'* (XTC1:129).

[484] MVN2: *Po-l-o*.

[485] No texto: *Pol-o*, *vén*. Llópiz explica que o refrán se refire ó santo Tomé apóstolo, 21 de decembro, cando xa non queda por facer ningún traballo agrícola que requira o uso dos bois e, ademais, achéganse as festas do nadal. Recólleo en Ferreira do Valadouro de J. Pernas.

[486] No texto: *S'a nóite, bén, d'escuro, n'o terron* (MVN2); *fai de luar, fai de escuro* (ZM); *terron* (PdM); *oscuro* (XTC4).

amo. Con todo xa hai un fresco nas catacumbas de san Sebastián en Roma, do século IV, no que se ven o boi e o burro axeonllados ante o Neno Xesús envolto nos seus capizos. Parece que os materiais deste evanxeo apócrifo foron de intensa lectura por parte dos priscilianistas galaicos (ASO:206).

Sexa como for, este elemento iconográfico está xa tan asentado na fantasía colectiva que non podía faltar nas panxoliñas galegas. Demos atopado numerosos exemplos. Nunha panxoliña de Carballedo (Lugo) dise que, por chegaren *de aquela hora* a Belén, sen máis dramatismos, non atopan quen os acolla:

Estoncias os probes
víronse obrigados
a meterse entre o gado
e alí o neno naceu. [487]

E noutra, tamén de Carballedo, dise:

Unha noite mui fría de inverno
nunha corte do gando en Belén
veu ó mundo do modo máis probe
o que foi o máis rico en saber.

Ou nesta, de Corme:

En un portaliño escuro,
cheo de teas de arañas,
entre a mula e mais o boi,
nace o Redentor das ialmas. [488]

O tema do boi que axuda a quenta-lo Neno é suxerido pola experiencia da calefacción animal típica da casa rural tradicional, pero normalmente as panxoliñas especifican que o quenta co seu bafexar:

A Belén vinde pastores
alí naceu un Meniño
que está, meu Ben, tiritando
ai, tiritando de frío.
Il, o Probiño, trembando está
e naide corre pra o ir quentar;
soio un boiciño co seu soprar
quentaba ó Neno, sen descansar. [489]

A velo vinde, pastores,
que naceu o meniño,
que está tirutando de frío,
El, o pobriño, soíño está
e ninguén corre para o quentar.
Só un boiciño co bafear
quentaba ao neno sen descansar.
E o pobriño chorando está
daquel pecado que fixo Adán" [490]

Era tan frio o sitio
onde estaba o Neno Dios
que as vacas compadecidas
foron darlle calor. [491]

Hastra o boi naquel dia
Tuvo fortuna sin par
Pois quentou co seu alento
O noso Rei celestial. [492]

Miña xoia!... deitadiño
nun pesebre sobre pallas
está pobriño, e desnudo!
un boi ¡meu amor! o abafa. [493]

---

[487] Carb-L:193. No texto: *nacéu*.

[488] Corme1:493-494; no texto: *i-almas*.

[489] Fragmento da panxoliña *Por entre as silveiras* (FoV:38).

[490] Raiaseca:61. Recollido en Viana do Bolo.

[491] Ctel2.

[492] JASA:204: *n-aquel, c'o*.

[493] Cuarta estrofa dun vilancico que se cantaba na Catedral de Mondoñedo a principios do século XIX. Armando Cotarelo, quen o publicou (ACV1:8), parece indicar que é anónimo e que lle puxo música José Basanta y Pacheco pero Antonio de la Iglesia afirma que o autor da letra foi Luís Corral (LCorral: 173-174). No texto: *xoya!...*, *boy.*

Un presebre sirviulle de berce
de palacio un probe portal,
e o bafo do boi e unha mula
lle sirviu á súa Nai pra o quentar. [494]

¡Vinde, vinde ve-lo Neno
que naceu hoxe en Belén!
¡Miña xoia! ¡Miña xoia!
É máis lindo que ninguén.

Como se ve, é hoxe máis frecuente falar da mula ca do burro. Fronte á actitude beneficiosa, protectora, do boi, a tradición destaca a actitude negativa da mula, á que representa comendo na palla na que deitaran a Xesús. Por tal motivo, Deus castigouna coa esterilidade (XTC1 [495], SCHU, Raiaseca). Tamén recollemos esta crenza en Portugal:

Cómo estás, Virgen del parto?
¿Cómo estás, Virgen María?
Buena estoy, San José,
no dejo de tener pena
por este niño que aquí tengo
sin tener en que envolverlo,
sólo un poco de yerba
y eso la mula lo come
y al momento se la lleva.
¡Maldita seas la mula,
nunca tu vientre conciba
y los hombres que son hombres
nunca de parto te vean. [496]

Como la nieve es mucha como la nieve es tanta
de las montáñar viene a pedirnos posada
calla José mi vida calla José del alma
que en mis pechitos traigo quien nos ha dar posada
entr'un boy y una mula y un presebe de paja
maldita sea la mula nunca tu vientre te llenes
nunca tu hijos pairas ni cosa del cielo veias
para Belén camina la Virgen Soberana
toda llena de gloria de gloria iadornada. [497]

Foi parir a Belém
numa pobre mangedoura,
donde o boi bento cobria
com a sua cornadura,
e a mula descobria
com a sua ferradura. [498]

Não podía dar à luz
Nem em cama de cortinas,
Nem em cama de palácio,
Só na pobre manjedoura
Onde o boi bento comía.
Quando a Senhora teve o menino
A burra "arrelinchou"...
- Maldição, te boto, nula,
Pra que não paras coisa alguma...
Mas, quer paras, quer não,
nela não tenhas ventura [499].

Pareu nun probe pallal,
adonde o gado dormía,
tal era a sua riqueza,
que hasta un pañal non había.
...
Non quixo nacer en torres,
nin en casas de señores,
quixo nacer en Belén,
donde está Xerusalén.
Donde estaba un boi moi manso
e unha mula maliciosa;
canto máis o boi xuntaba,
máis a mula estrangallaba.
Veigante os diantres a mula
pola calle da Amargura,
nunca Dios che dé bon fruto
nin cousa de boa ventura.
... [500]

[494] Carb-L:180. No texto: *sirviulle.*

[495] *En el establo en que nació Jesús había una mula y un buey. Este calentaba al Niño con su aliento, aquélla lle comía las pajas y fué castigada a infecundidad* (XTC1:135).

[496] Raiaseca:73. Recollido en Carracedo da Serra, A Gudiña.

[497] SCHU2/2/16. Recollida en Vilardevós.

[498] DMA:333. Por tal motivo, crese que o bafo do boi sobre os sucos, durante a arada, é bo para asegurar unha boa colleita. E para iso en Valdeorras tamén colocaban o meniño con enganido no fondo do suco para que o curase a mirada do boi (VLQ:83).

[499] CV2:159-160.

[500] No texto: *mais*. Copiamos só un fragmento dun longo cantar de reis. Debeu ter certa difusión porque o recolleron en Corme (Corme1:494), en Arcos, Mazaricos (SCHU1:166) e recollémolo nós practicamente igual en Laxioso, Ponte Caldelas.

Pero na Limia non foi a mula. Alí disque foi o carrizo quen lle quixo rouba-la palla e a penuxe á manxadoira na que deitaron a Xesús, para face-lo seu niño e, en castigo, foi condenada a se-lo paxaro máis pequeno de todos cantos hai (Lim6:701).

Rematamos con este fragmento dos *Contos de Nadal*, recolleitos por Cotarelo Valledor (ACV2b:29), no que bois e vacas forman parte dunha ampla troula animal que festexa o momento do nacemento de Deus:

Os bois e vacas na corte
brúan cando as doce dan;
brecan de folgo os cabritos;
os cans póñense a ladrar;
kucurucú, canta o galo;
as polas, kacaracá;
kiquiriquí, fan os polos
e os años, bababááá...

Non ben escoitan os sinos
alegres repenicar
veñen xentes do contorno
a o Neno Dios saudar;
e nesta Babel ruidosa
todos quérense folgar
de que viñese o Mesías
a humanidade salvar. [501]

Nestoutro canto, de Caritel, aparece nunha referencia á necesidade de acabar axiña o traballo de arar [502] para ir onda o Neno, que está preto do traballo do labrego:

Tira ben polo arado,
miña vaquiña marela,
para ir ó neno Dios,
que está pretiño da veigha.

¡Ai, que meniño
tan bonitiño!
¡Quen me lle dera
dar un biquiño!
Leilo leilo leilolá.

Na Lama [503], que estrema con Caritel, cantan así:

Tira ben polo arado,
miña vaquiña marela,
que imos ver ó neno Dios,
que está cerquiña da veiga.

Con un sombreiro de pallas
un gallego a Belén foi
mentres adorou ó neno
comeulle o sumbreiro o boi
eí vai o gaiteiro
deixaino pasar
que vai cara Belén

a Jesús adorar
e mailo galego miraba
miraba a ver o sumbreiro
o sumbreiro non estaba
que o boi llo comeu enteiro
eí vai...
e mailo galego miraba
miraba cheo de razón
e nunca pudo creere
o caso que lle pasou
eí vai... [504]

Que outros autores recollen con lixeiras variantes:

Con un sombreiro de palla
un galego ó portal foi;
e mentras adoraba ó Neno,
comeulle o sombreiro o boi. [505]

Con un sombreiro de palla
un gallego a Belén foi,
e mentras adorou o Neno,
comeulle o sombreiro o boi. [506]

[501] No texto: *Bruan, á ladrar*.
[502] A arada de decembro é a arada de bota-lo centeo.
[503] Lama2:60.
[504] SCHU2/2/26. No texto: *con un sombreiro* e *comeulle o sumbreiro,* así como *un gallego a Belén* e *mailo galego; qu'o boi.* Os oito primeiros versos tamén se cantan en Caritel.
[505] AFF3:26.
[506] CP: s.v. *sombrero*.

Con un sombreiro de palla
un gallego ó portal foi
mentras adorou ó neno
comeulle o sombreiro o boi. [507]

Con un sombreiro de palla
un pastor ó portal foi;
mentres adorou ó Neno,
comeulle o sombreiro o boi. [508]

I un Galego a un portal foi
i en cuanto adorou o neno
comeulle o sombreiro o boi
petade pouquiño
cantade baixiño
pra que non desperte
o noso neniño
que é moi pequeniño
moi pequeniño. [509]

Recollemos agora esta panxoliña interpretada por primeira vez en 1793 na catedral de Santiago. O autor da letra parece se-lo sacerdote Marcos Parcero (morto o 21 de maio de 1824) e o da música o mestre de capela Melchor López [510] :

-Ay, perdone sua mercede,
meu señor, por este Neno,
que con cestos ni alforjas
mais á Igreja non viremos.

-Dexadlos, dexadlos,
pues están sueltos,
y que cumplan todo
lo que ofrecen presto.

-O que adoito de cantar
vendo Quen nacido temos,
madía ten que hoje cante
o seu santo Nacemento.
A la la la la a-la la la-
a la la la, a la la.

Vai á mao, que estaba o mundo
esperando que este Neno
viñese a ceibar ós santos
que estaban no Imbo presos.
A la la la.

O Ceo ha de abrir a todos
e por eso estamos ledos.
O noso vagar cantamos
e teña cetrina o demo.
A la la la.

Endebén que ja viñese,
moito nos folgamos desto
e, postrados ós seus pés,
un regalo lle ofrecemos.
A la la la.

Velaquí estas galiñas,
estes pichós e coellos;
este mel, esta manteiga,
estes ovos, estes queixos.
A la la la.

E para estes pastores
que tocan os istrumentos
traguemos unha juvenca
e vintecatro carneiros.
A la la la.

De aquí en diante ofrecemos en orde alfabética cantigas relacionadas co gando e co Nadal.

A Virxen mece o seu Neno
blanco, roibo e colorado
que ha de ser o pastor
que ha de gardar este gando. [511]

Alá arriba na Currugada - por baixo
da pentella
están comendo xuncas - unha vaca e
unha ovella
ai run run 'duérmete mi nene'
ai run run 'que te quiero yo'
ai qué neno tan bonito
ai qué neno tan gallardeiro
ai qué neno tan bonito
para nacer nun palleiro. [512]

[507] Lama2:59.
[508] Carb-L 175: No texto: *adorou*, *coméulle.*
[509] SCHU2/2/27. No texto: *comeull'o, sombreir'o, qu'é.*
[510] FBB6.
[511] Lama2:58.
[512] SCHU2/2/33.

Embajadores somos oigan atentos
las nueve embajadas del Nacimiento
qué Niño qué bello
que nació el rey del cielo
la primer embajada fue en Belén
donde nació Jesús en un pesebre
qué Niño qué bello
que nació el rey del cielo
.... [513]

En el portal de Belén,
la ciudad de Judea,
donde la Virgen parió
relumbrando está una estrella.
¿Cómo estás, Virgen parida?
¿Cómo estás, Virgen doncella?
Estoy buena, San José,
no dejo de tener pena
de ver al Hijo de Dios
nacido en tanta pobreza
sin tener en que envolverle
no siendo un poco hierba.
La mula bien se la come
el boi mejor se la deja. [514]

Entre un boy y una mula y un peseble
de paja
allí nació un niño, un niño con su
gracia
gloria gloria al recién nacido
gloria gloria a su madr'y al niño
llegaron los pastores los de aquella
comarca
unos traían güevos y otros manteca
blanca
gloria gloria...
Entre un boy y una mula y un peseble
de paja
allí nació un niño, un niño con su
gracia
gloria gloria... [515]

Es día de fiesta de la Pinfanía
que se manifiesta Cristo neste día
vuestro rey de coro que es lo que
explicamos
vengan ioro y plata que lo reparamos
si no hay dinero venga una olla
de vaca y carnero una buena polla
vengan tres manzanas buenas y ben
grandes
dulces avellanas en casa de flaires
vino moscatele biscoito rosquillas
o dulces pasteles iorrosas natillas
deia o aghinaldo se o quere dare
que bastantes porcos ten para matare
deia o aghinaldo anque seia pouco
touciño e medio e ia mitá doutro
... [516]

Ha de parir nun pesebre
cuberto de telarañas,
entre a mula e o boi,
é o redentor das almas. [517]

Todos lle levan ó Neno,
eu tamén lle levarei
unha torta de manteca
e un xerro blanco de mel. [518]

Vaya d'en fiesta'n fiesta d'en fiesta'n
fiesta vaya
ien Belén ha nacido iel bello soi [519] del
alma
corrían los pastores lor de aquella
montaña
iunos traían vino y otros manteca ianda
y otros traían pañales que parecían de
Holanda
para'nvolver el Niño Jesús que
teritaba. [520]

Virxiña sin mancha,
filla de Xudá,
¿Por qué, mansa raíña,
pares nun portal?
¿Por qué entre as pallas
tes o teu pichón,
ó amor do alento
da mula e o boi? [521]

---

[513] SCHU2/2/1a.
[514] Lama2:57-58. No texto: *boi*, aínda que está todo el en castelán.
[515] SCHU2/2/9c.
[516] SCHU2/2/106a. No texto: *tén para matare*. O colector indica que *en casa de flaires* está por *un queso de Flandes*, e *orrosas* por *olorosas*.
[517] Lama2:59. Fragmento dun cantar de reis.
[518] Lama2:60.
[519] Sic.
[520] SCHU2/2/9f.
[521] Lama2:57. Só copiamos un fragmento. No texto: *tés*.

Víspora de Reis noche de tanta alegría
nació Cristo Redentor parió la Virgen María
y parió en un pesebre donde la mula comía
tanto era la pobreza que pañales no tenía
echó mano Madalena a un pañal que tenía
y unas tijeritas de oro y en tres cintas lo ponía
una para la mañana, otra para el mediodía
y otra para medianoche mientres la gente dormía. [522]

Falando do boi de Belén, presta le-lo diálogo dos animais de Armando Cotarelo: Quen moito fala... (16.1.).

12.3.13. Primavera

Sorprende que para o tema gandeiro a *primavera* non xere refráns e cantigas como xeran o verán, o outono e mailo inverno. Hainas naturalmente cos nomes dos meses e dos traballos propios desa estación pero non, como dicimos, coa palabra primavera. O único caso é o refrán que deixamos atrás *A primaveira de xaneiro non leva ningún boi ó matadeiro* (EGE:11). Calo2 danos para este refrán dúas explicacións posibles. Primeira, a *primavera de xaneiro* refírese a que, se no mes de xaneiro veñen uns días bos, como de primavera adiantada, as xeadas virán despois a destempo e non haberá prado para *acomeda-lo gando* (é dicir, para alimentalo tódolos días e levalos así ó matadoiro). Pero afirma que isto só é aplicable á metade norte de Galicia, porque –di ela- na metade sur, onde o clima é máis suave, o significado do refrán é que, sendo bo tempo, xa se adianta o traballo do gando e os bois teñen que traballar; e esta sería a segunda interpretación. Naturalmente pensa que os bois van ó matadeiro, como moito, despois dos traballos feitos ou cando xa non valen para eles.

12.3.14. Verán

A vaca do vilán, se dá leite no inverno millor o dá no vran. (XMSH:143; ERG:vaca) [523]
A vaca do vilán, se dou leite no inverno, millor a dará no vran. (VS) [524]
As vacas do vilán, que se no inverno dan leite, millor o dan polo vran. (VLLM:1,131) [525]
As vacas do vilego dan millor leite polo vran que polo inverno. (VLLM:1,131) [526]
As moscas no verau comen o mel e comen o gando. (ERG:mosca)
Co vranciño é bo calquer goriño, ca iauga e a neve cata quen cho leve. (VLLM:2,85) [527]
Polo vran calquer pastor é barragán, polo inverno míralle o pelexo. (VLLM:2,85) [528]
Fonte de vaqueiros no inverno ten auga; no vran é cagalleiro. (VLLM:1,142) [529]
Meu carriño novo ¿quen te fai vello? - Catro meses de vran e oito de inverno. (MVN2:94; ZM:137; XLF2:41) [530]
Meu carriño novo, quen te fará vello? -Catro meses de vran e oito de inverno. (XLF3:63)
Meu carriño novo, ¿quen te fará vello? -Tres meses de vran e nove de inverno. (ERG:carriño)
¿Quen te acabou, meu carriño vello? O sol do vrau i a auga do inverno. (Mondo4:53) [531]

---

[522] SCHU2/2/7b.

[523] *A vaca do vilao se no inverno dá leite, melhor o dará no verao* (DMA:274).

[524] Un dos manuscritos de VS di *vaca da vilán, mellor o dará*. Ofrece tamén as seguintes equivalencias: P.: *Vaca de vilão se no inverno dá leite, melhor dá no verão* (Chaves); E.: *Las vacas del villano, si en el invierno dan leche, mejor la dan en el verano* (Correas).

[525] Llópiz: *a dan*, *pol-o*; recólleo en Chantada.

[526] Llópiz: *pol-o*; recólleo de A. L. L. en terras de Chantada. Di que é unha *verdad casi perogrullesca, pues en todas las latitudes, las vacas con los alimentos frescos y en libertad, digiere(n) mejor y produce(n) más y mejor leche, que en el período de estabulación*.

[527] Llópiz: *Có*, *bó*, *y-auga*; explica que *goriño* é diminutivo de pegureiro (se é certo será un dim. irregular); explica que calquera pastor resiste a fatiga pero no inverno é moi difícil encontrar pastor comprido; recólleo de Filgueira en Ourense.

[528] Llópiz recólleo de N. Arnoso en Ombre.

[529] Llópiz di que é da fala dos Vaqueiros de Alzada. Recólleo en Ernes (Negueira de Muñiz, aínda que el o sitúa na veciña Navia de Suarna).

[530] No texto: *cariño* (sic), *nóvo, quén, véllo, d'invérno* (MVN2); *quén* (ZM); *quen te fixo vello?* (XLF2).

[531] No texto: *Quén, d'o vrau, y-a, d'o inverno*.

12.3.15. Outono

En outono bota as patacas e garda cedo as vacas. (ZM:97, ZM:273)
En outono levanta as patacas e garda cedo o gando. (NevesC)
O queixo de outono cómeo seu dono. (VS) [532]

12.3.16. Inverno

Ver tamén en *verán* os refráns que contrastan esta estación co inverno.

Cando arraia o soalleiro, quenqueira é pigoreiro; cando o inverno vén, xa non hai quen. (VLLM:2,85) [533]
Cando neva na serra, sexa pastor quen o desexa. (VLLM:1,137) [534]
Cando neva, sexa pegureiro quen queira. (VLLM:1,137) [535]
Cando neva, sexa vaqueiro quen queira. (VLLM:1,137) [536]
Cando neve na serra, sexa pastor quen queira. (VLLM:1,137)
Cando neve, sexa vaqueiro quen o terme. (VLLM:1,137) [537]
Cando no inverno oíres tronar, vende os bois e bótao en pan. (NevesC)
Cando no inverno vires tronar, vende os bois e bótao en pan. (ERG:inverno/tronar) [538]
En inverno, o gando sobre todo ha de estar ben alimentado. (UCA:35.8)
En inverno, sobre todo, o gando ha de estar ben alimentado. (UCA2:35; VS) [539]
No inverno mormente o gado ha de estar ben alimentado/ farto/ farturado. (VLLM:2,89)
No inverno o gando ha de estar ben mantido. (ZM:149)
No inverno sobre todo o gando ha de estar ben comido. (UCA:35.7; NevesC; VS)
O gando no inverno ha de estar ben comesto. (ERG:inverno)
O gando no inverno quer estar ben mantido. (ERG:inverno)
Nin con neve sexas vaqueiro nin de ruín sexas servidor. (VLLM:1,145) [540]
O día de san Bartolomeu, dice o inverno: ¡Alá vou eu! I o día de san Simón, alza bois e timón. (XTC4; ANV4:18) [541]
O que queira co vello acabar mándeo de inverno ó monte a gardar. (XMSM:195)
Ovella, égoa, porca e vaca, polo inverno en col da palla. (VLLM:2,91) [542]
Vaqueiro e cocho invernizo, Dios non vos fixo. (VLLM:1,155) [543]
Vaqueiro e porco invernizo, o demo vos fixo. (VLLM:1,155)
Vaqueiro pola neve e porco con frío, o demo que os leve. (VLLM:1,156) [544]
Vaqueiro pola neve, que o demo o leve. (VLLM:1,155) [545]

---

[532] VS: *d'outono*.
[533] Llópiz: *ai*; recólleo de J. V. Alonso en Ribadeo.
[534] Llópiz recólleo de A. Seijas en Mondoñedo.
[535] Llópiz: *quera* (sic); recólleo en Abadín (Mondoñedo).
[536] Llópiz: *quera* (sic); recólleo da fala dos Vaqueiros de Alzada, Cecos e Taramundi.
[537] Llópiz recólleo da fala dos Vaqueiros de Alzada.
[538] ERG: *en inverno* s.v. *inverno*; *no inverno* s.v. *tronar*.
[539] VS: *ganado, moi ben alimentado*, e comenta que debe ser así *Para que pueda superar los rigores de la estación*.
[540] Llópiz: *roín* por *ruín*; recólleo da fala dos Vaqueiros de Alzada.
[541] No texto: *dia, y-o* (XTC4); *Bartoloméu, aló, y-o, boys* (ANV4). San Bertomeu, o 24 de agosto; san Simón, 28 de outubro.
[542] Llópiz: *pol-o*; recólleo de V. Muñiz, prof. veter.
[543] Llópiz di que alude, como o seguinte, ás impertinencias e baladronadas dos Vaqueiras de Alzada. Recólleos en Navia de Suarna de M. Vázquez Díaz.
[544] Llópiz: *pol-a*; explica que o refrán alude ó moito que renegan os Vaqueiros de Alzada polos perigos que pasan nunha xeografía tan difícil e polo moito que gruñen tamén os porcos con frío. Recólleo de Francisco Lanza (Ribadeo).
[545] Llópiz: *pol-a*; recólleo onda Taramundi, na serra de Aurno.

Capítulo 13. TODO É COMA UNHA VACA

Capítulo 13. TODO É COMA UNHA VACA

13.1. A vaca como referencia

A vaca é un elemento tan central dentro da vida rural tradicional que se converte nunha referencia multidisciplinar, mesmo despois de que practicamente desaparecese a gandería tradicional.

13.1.1. A vaca nas artes plásticas galegas



Monumento á vaca rubia galega en Negreira. Obra de Castelo. Obradoiro de Pedra.

O boi figura na iconografía relixiosa referente ó nacemento de Xesús en Belén (12.3.12.1.), na simboloxía do evanxelista Lucas (13.2.2.2.2.) e tamén no traslado do corpo de Santiago dende Iria a Compostela. A vaca provoca esculturas que campan no centro urbano, como a que tiña LARSA en Balaídos, a que ten PULEVA en Lugo, preto de Nadela, ou a que ten Negreira no seu centro urbano; ou que se expoñen hoxe en museos coma o becerriño no colo da dona (*O Tesouro*, de Asorey, no Museo Provincial de Lugo). [1].

Tamén está presente en numerosos obxectos creados por Sargadelos en tempos de Díaz Pardo. Pero hai figuriñas tamén de Galos e doutros artistas. A Cow Parade é un fenómeno urbano creado en Zurich por Walter Knapp como unha exposición de arte pública, para promociona-la industria láctea suíza: consiste en múltiples reelaboracións pictóricas de tres únicos modelos de esculturas de vacas a tamaño natural. Tamén chegou a Galicia e realizouse nas rúas e prazas de Vigo na primavera de 2007.

Na pintura e escultura galega escolmámo-la obra monumental (14 volumes) de Antón Pulido Novoa e nela encontramos 77 pinturas ou esculturas de tema bovino.

Autor	Ano	Título do cadro	Tema	Referencia
Colmeiro	1934-35	Familia con vaca	Apañando herba	APN8: 119
López Garabal	1943	Camiño de Santiago	Arando a carón do Camiño de Santiago. Paisaxe rural coa catedral ó fondo.	APN5: 391
Colmeiro	1928	Arando	Arando cunha parella	APN8: 109
Serafín Avendaño	s.d.	Outono	Arando cunha parella de bois?	APN2: 47
Colmeiro	1938	Recolleita	Arando ó fondo no campo	APN8: 119
Serafín Avendaño	1906	Cando os rabaños volven	Arrecadando o gando vacún e ovino dous homes	APN2: 55
Luís Torras	1985-87	Touro	Boi esfolado	APN6: 210
Colmeiro	1935	Estrando	Campesiños estrando as cortes	APN8: 109
Colmeiro	1930	Campesiños	Campesiños traballando no campo	APN8: 109
Amado Suárez Couto	s.d.	A renda	Carro con vacas dirixíndose ó porto ó fondo. Campesiños tratando da renda co señor nobre mentres a familia agarda coas vacas	APN5: 54
Manuel Pesqueira	1946	O carro	Carro con madeira ó lado do mar	APN6: 108
Urbano Lugrís	1960	Romaría Galega	Carro cun barril enriba	APN6: 52-53
Juan Luis	1929	Apóstolo	Carro de vacas cun enfermo guiado por unha muller e o apóstolo acompañándoos	APN3: 386
Lloréns	1918	Amencer en Betanzos	Carro de vacas polas rúas	APN3: 89
Mª Antonia Dans	1975	Carro e terras	Carro e terras	APN6: 390
Jenaro Carrero	1899	Víctima do traballo	Carro trasladando un morto?	APN2: 99
Manuel Abelenda	s.d.	Os areeiros	Carros de vacas transportando area	APN3: 307
Jenaro Carrero	s.d.	Carros no porto de Noia	Carros na praia	APN2: 85
Gabino	1990	Vaca	Casa con gando (vacas leiteiras)	APN10: 126
Xulio Prieto Nespereira	1941	Bodegón	Cerámica	APN4: 282
Alfonso Abelenda	1987-88	Homenaxe ó touro de Lecumberri	Simboloxía. Especie de colaxe	APN9: 179
Roberto Glez.del Blanco	c.a 1930	A volta á feira	Feira de gando	APN4: 332
Ovidio Murguía	c.a 1892	Feira de Santa Susana	Feira. Mirando os dentes	APN2:179
Colmeiro	1960-68	Feira	Feira. Vacas e xente	APN8: 171
Colmeiro	1979	Feira	Feira. Vacas e xente	APN8: 172
Antón Abreu Bastos	1990	Paisaxe de Vilaza	Figuras abstractas de bovinos	APN10: 90
Antón Abreu Bastos	1981	Antropoloxía	Gando	APN10:76
Jenaro Pérez Villaamil	1847	Paisaxe con gando	Gando na paisaxe con gando (vaca, burro e ovellas)	APN1: 355
Manuel Pesqueira	s.d.	Traballando	Labores agrícolas	APN6: 106
Seijo Rubio	s.d.	Estampa galaica	Moza acomerando vaca	APN4: 410
Alfredo Souto	1902	Capela de Santa Margarida	Muller con vaca	APN4: 310
Roberto Glez.del Blanco	1956	Vermella	Muller con vaca	APN4: 364
Lago Rivera	1949	Muller con vaca	Muller con vaca	APN7: 40

[1] En 1991 Narón inaugurou unha fonte pública na Solaina que reproduce o aparato xenital dunha vaca e na inauguración deitou viño tinto (VG2 10.03.1991). Non lonxe, en Balón, o concello de Ferrol xa tiña outro monumento anatómico (neste caso ó fígado) inaugurado pola alcalde Xaime Quintanilla Ulla, médico forense.

Colmeiro	1949	Paisaxe con figura	Muller con vaca	APN8: 111
Colmeiro	1935	Muller con vaca	Muller con vaca	APN8: 112
Camilo Nogueira	1944	Nais	Muller con vaca amamantando	APN13: 168-169
Alfredo Souto	s.d.	Estampa	Muller con vacas	APN4: 331
Serafín Avendaño	1889	No val Miñor	Muller con vacas ó carro	APN2: 42
Colmeiro	1934	Campesiños	Muller e home traballando no campo	APN8: 111
Antonio Fernández	1952	Vaca pastando	Nena con vaca	APN3: 155
Serafín Avendaño	s.d.	Pastoriñas á beira dun acantilado	Nenas con vaca?	APN2: 44-45
Serafín Avendaño	s.d.	Paisaxe	Neno con vacas na eira	APN2: 57
Alfredo Souto	1900	Paisaxes galegas	Nenos con vaca	APN4: 327
Serafín Avendaño	s.d.	Recollendo algas	Nenos na praia recollendo algas con vacas ó carro	APN2: 52-53
Sucasas	1992-99	Partida en Lamparte	Partida de cartas na que a vaca ou o boi está presente	APN9: 332
Rafael Alonso	s.d.	Bosquexo para mural	Pucho mamando da vaca	APN11: 59
Xoán Piñeiro	1967	Monumento á vaca marela	Pucho mamando na vaca	APN12: 277
Xaime Quessada	1975	A nación (e os mostros católicos)	Simboloxía. Home nu cunha careta en forma de cabeza de touro	APN11: 360-361
Laxeiro	1934	Mascarón	Simboloxía. Máscara de antroido con figura de vaca	APN8: 338
Xaime Quessada	1972-1976	Imaxe surreal de Galicia	Simboloxía. Minotauro	APN11: 346
Juan Oliveira	1989	Europa	Simboloxía. Muller transformándose en touro	APN12: 32
Parada Justel	1899	A adoración dos Reis Magos	Simboloxía. Nacemento	APN2: 268-269
Manuel Prego	1962	Nadal na montaña	Simboloxía. Nacemento rodeado de nenos, unha persoa adulta, un burro e un boi ou unha vaca	APN6: 276-277
Mestre de Marzá	s.d. Séc. XVI	Natividade	Simboloxía. Nacemento:Virxe e pucho.	APN1: 80
Luís Seoane	1963	O touro Xúbilo	Simboloxía. O touro Xúbilo	APN6: 71
Jenaro Carrero	1900	Corrida de touros	Tauromaquia	APN2: 108-109
O Picasso coruñés	1892	Corrida de touros e pombas	Tauromaquia	APN2: 205, 208
Alfonso Costa	1979	Homenaxe a Velázquez	Tauromaquia. abstracta	APN10: 398
Luís Torras	1984-85	Capea en Albarracín	Tauromaquia. Capea en Albarracín	APN6: 203
Arturo Souto	1935	Corrida de touros	Tauromaquia. Corrida na praza de touros	APN8: 266
Jenaro Pérez Villaamil	s.d.	A praza partida	Tauromaquia. Dúas corridas de touros na mesma praza, atacados por cans, nun caso; e con cabalos destripados, no outro.	APN1: 340-341
Cristino Mallo	1977	Toureiro a cabalo	Tauromaquia. Toureiro a cabalo	APN13: 108
Alfonso Abelenda	1986	Toureiro e Menina	Tauromaquia. Toureiro e Menina	APN9: 180
Arturo Souto	s.d.	O toureiro e a maxa	Tauromaquia. Toureiro e muller	APN8: 267
Segura Torrella	1960	Toureiro morto	Tauromaquia. Toureiro morto	APN14: 37
Jenaro Pérez Villaamil	1837	Manda de touros xunto a un río e castelo ó fondo	Touros na paisaxe	APN1: 354
Luís Mosquera	1946	Paisaxe con touros	Touros na paisaxe	APN5: 171
Luís Torras	1985-97	Touros en Chinchón	Touros. Praza	APN6: 193
Sotomayor	s.d.	Estudio de vaca	Vaca	APN3: 27
Jenaro Pérez Villaamil	1847	Paisaxe con gando	Vaca con gando asnal, ovino e caprino	APN1: 355
Maruja Mallo	1928	Kermesse	Vaca debuxada nun cartel dunha festa	APN8: 388
Otero Besteiro	s.d.	Vaca deitada	Vaca deitada	APN12: 370-371
Colmeiro	1938	A carta	Vaca ó fondo, nena á mesa	APN8: 115
Antón Abreu Bastos	1988	Paisaxe con árbores	Vaca pacendo. Un par de persoas nos labores do campo	APN10: 85
Antonio Fernández	1959	Paisaxe típica galega	Vacas e ovellas pacendo e unha nena vixiando	APN3: 157
Arturo Souto	1930	Panel para os salóns do Círculo das Artes de Lugo	Unha familia tomando a parva con vacas ó fondo	APN8: 276
Antonio Fernández	s.d.	Paisaxe con vacas	Vacas pacendo moi preto do mar	APN3: 172-173

Polo cadro que achegamos vese ben que a maior parte son imaxes de leva-lo gando a pacer ou de estar con el (traballo feminino ou de meniños); imaxes do traballo no carro ou no arado, do aleitamento dos becerros ou da feira. Predomina a presenza da vaca sobre o boi; e da vida agrogandeira sobre a tauromaquia: esta só aparece en dez cadros e é unha referencia a algo visto fóra de Galicia e non sempre con simpatía; o cadro *Praza partida* de Jenaro Pérez Villaamil parece orientado a producir repulsión. O macho non é un perigo nin un símbolo de poder e de sexualidade: este elemento só aparece nun cadro de Laxeiro.

A vaca na arte galega é un elemento da paisaxe, da economía, case da familia.

Pero non podemos esquece-la importante presenza que a vaca ten como elemento de referencia no humor gráfico: maiormente Siro (SIRO), O Carrabouxo (XLG1, XLG2), Xaquín Marín (XM), Pinto e Chinto, Meixide etc.

13.1.2. A vaca no cine e na literatura

Precisamente polo que acabamos de dicir, a vaca é secuencia obrigada en tódalas películas rodadas en Galicia que, antes de 1960, quixesen facer unha indicación de que a acción transcorría aquí: a vaca pacendo ou tirando do carro, era o símbolo desta comunidade que se achegaba ó remate do milenio conservando elementos de cultura moi antigos. Mención especial merece a curtametraxe (10 minutos) *O carro e o home*, rodada en 1940 polo ourensán Antonio Román con guión de Xaquín Lorenzo, e que describe o proceso de construción dun carro do país na aldea de Facós (Lobeira) e o seu traballo ata a desfeita final.

Na literatura, ademais do antolóxico texto de Castelao, *A vaca,* que abre este libro, e de todo o que se verá no capítulo 16, nos últimos anos tiveron éxito especial *A Marela tarabela* de Neira Vilas (1989), *Un millón de vacas* de Manuel Rivas (1990), *Eu tamén fun coas vacas* de Afonso Eiré (1999) e *A memoria do boi* de Vázquez Pintor (2001).

13.1.3. A vaca en libros-obxecto, na Rede e como obxecto icónico



Perigo: paso de gando.

Na gastronomía máis recente é obrigado cita-las publicacións de Ternera Gallega e mailo libro de Flavio Morganti: *Vacas. A súa dignificación sexual e gastronómica* (FMor).

A máis recente é a homenaxe fotográfica feita por Xurxo Lobato: *No país das vacas* (XLob); este é un libro que condimenta un magnífico repertorio fotográfico con luminosos textos de Ramón Villares, Lourenzo Fernández Prieto, Xosé Turnes Paredes e Julián Rodríguez.

Na Rede hai un número pequeno pero crecente de presenzas. Citemos un blog que se chama *O ollo da vaca*: http://oollodavaca.blogspot.com/2005/12/os-nomes-dos-parentes.html.

E, para rematar, a vaca convertida en símbolo identitario: a vaca sobre a bandeira galega, como veremos en 13.3.11, que cataláns e vascos acabarían imitando con cadanseu animal simbolizador da comunidade. Pero tamén a vaca sobre unha diana que foi o anagrama dun programa dirixido e realizado por Antón Reixa (*Galicia, sitio distinto*) na TVG que despois foi reelaborado por Blogaliza en dúas versións: unha con diana

pero coa lenda *Lactea iacta est* (que querería dicir máis ou menos "Xa está lanzada a leiteira"); e outra sen diana nin outro texto que o propio Blogaliza.

13.1.4. A vaca, obxecto de investigación filolóxica

Tal e como dicimos en 1.2., Constantino García puxo en marcha a partir de 1970 a investigación de campo do léxico galego cun proxecto moi ambicioso, que sobre este campo semántico comprendía nada menos que 131 preguntas e que se levou a cabo en máis de douscentos lugares de Galicia. Naquel material, do que nós tamén bebemos, a vaca deu a medida lingüística do moito que ela significa no proceso mental que témo-los galegos de analiza-la realidade.

Poñendo de parte a monumental tese de Manuel González sobre o carro (MGG), debemos menta-lo traballo de 1972 de Luciano Castañón (LC1), que inclúe referencias á denominación da vaca ou de partes do seu corpo recollidas en San Martín de Oscos, concello asturiano de fala galega; o de 1986 de María Sonsoles Fernández e Isabel Arredondo, (MFIA), que citan algunhas formas localizadas en Galicia: *pintada* (CO, LU, OU, PO), *mosqueada* (LU), *nevada* (OU), *rosa* (PO, LU, OU), *pedresa* (PO), *racheada, pasiega, sirga, jaspeada, bragada, cunchada, apiñarada, ruza* e *retrina.* Xa exclusivamente centrados no galego son os traballos recentes (2007) sobre a forma que os galegos teñen de poñerlles nome propio ás vacas e que deron á luz Mª Carme Pazos Balado (Arzúa5), Raquel Aira González (RAG) e Marta González Louzao (Ulloa2).

Pero sobre todos destacan os de Xosé Afonso Álvarez Pérez que, entre 2006 e 2008, publicou diversos traballos parciais (XAAP1, XAAP2, XAAP3) que culminaron na tese de doutoramento *O léxico da vaca: Nomes baseados no físico* (XAAP)*,* dirixida por Manuel González González e defendida no 2008 na Universidade de Santiago: nela combina a refundición do traballo de campo coa investigación etimolóxica e a cartografía lingüística. Con este libro xa no prelo prácenos anota-la publicación na Fundación Pedro Barrié de la Maza (A Coruña 2010) co título *Para un estudo xeolingüístico dos campos lexicais. Análise de designacións galegas do ámbito da gandaría*.

13.1.5. A vaca, espello no que os galegos miran a súa vida

A vaca é o animal máis observado polos galegos: nel, coma nun espello, ven simbolizadas moitas realidades da vida que non son doadas de nomear e que parece que se expresan mellor dicindo *todo é coma unha vaca.* Cando lle poñen nome a seres, a cousas, a situacións ou sentimentos, moitas veces encontran que a maneira máis rápida, exacta e plástica de dicilo é comparalo con algo que fai ou que lle acontece á vaca (*vaca branca* é o sal; *vaca negra* é o tren, *vacas rubias* son as brasas). E, se isto é así, é porque os interlocutores tamén teñen a mirada posta na vaca.



Vaso de corno (Xosé Rodríguez Cruz).

[2] Véxanse os refráns *Criado en casa probe é boi en casa rica* ou *O demo é unha vaca e non hai quen a munxa*.

Estaría, polo tanto, incompleto este libro se omitise este feito crucial de denominar animais, cousas, cualidades ou defectos pola súa semellanza con cousas do gando, porque revela, tanto coma o que xa levamos visto, a profunda observación que o galego fai do seu animal totémico. Observando o material léxico, fraseolóxico ou de tradición oral que ofrecemos neste capítulo, parece que o galego creador do idioma está dicindo *Todo está na vaca*, *Todo é coma unha vaca* [2]. Ou como di un refrán *Iste mundo éche unha feira de tolos*.

Porque o que imos ver son nomes doutros animais (*abetouro, boi de mar, vacaloura, cornecho*), de minerais (*pedra de leite*), de plantas (*escornabois, cornizó, herba do gando*), de froitas e hortalizas (*cereixa de teto de vaca, mazá de papo de boi, castaña tourona, pataca de ollo de boi, repolo corazón de boi*), de constelacións (*boieiro, carro do ceo*), de tipos de pan (*cornecho, abecerrado*) e mesmo de persoas (*conxuxe*) coas súas enfermidades (*cornello*), características (*ollada de boi*), defectos (*bosteiro, cara de leite fervido, manteigueiro*), cualidades ou accións positivas (*axugar, pastearse, forte coma un boi, moliño coma nata*), relacións sociais (*xugo, cornetada, contos da feira, poñe-los cornos*), vehículos (*vacanegra, boi da molida*), xornadas laborais (*día de picaboi*) etc.

É curioso que moitas destas entradas designan realidades negativas (porque sempre as linguas teñen máis riqueza para designa-lo mal que o ben) pero hai tamén designacións positivas, como xa diximos, e entre elas, a riqueza (*vaca branca* ou *facer boa feira*).

É certo que nalgúns casos a similitude existe dende unha percepción popular da realidade a pesar de que a ciencia non o dea por válido (*requeixo* 2, *abecerrado, vacaceiro* e algúns topónimos coma *Boimil* etc.). É certo tamén que algunhas entradas non son exclusivas do galego e veñen do fondo común latino (*cónxuxe*) pero boa parte delas son creación galega e isto confirma a atención que o galego puxo na vaca e no contorno dela.

Pero resultan impresionantes certas observacións coma a daquel refrán que transfire ó mundo dos humanos a oculta picardía que pon en valor os pequenos fronte ós grandes: *O boi come a palla e os ratos o millo;* ou o que resume o enorme esforzo e as dificultades económicas en que vive o gandeiro: *O leite é branco pero sae negro*; ou o que observa como o comportamento do animal acaba sendo escola de vida para o gandeiro: *O que anda cos bois a escurrutar deprende.*

Neste capítulo, polo tanto, imos pasar revista a estas palabras, compostos ou fraseoloxismos que designan realidades que xa non forman parte do mundo da vaca pero que o toman como espello e del reciben nome por un proceso de evocación da semellanza externa ou interna que con el poden ter.

13737 **abetouro** *s.m. Botaurus stellaris*. Ave zancuda da familia das Ardeidas, de voz abucinada que se oe a gran distancia e que lembra o brado dun boi. Penas Patiño explica que "a voz é un sonoro bruar que emite a intervalos regulares" e dálle a consideración de moi rara en Galicia actualmente. Nos últimos censos de aves de Galicia só aparecen citas esporádicas desta especie nas Gándaras de Budiño, lagoas de Valdoviño, Vixán e Cospeito e outros puntos da costa galega; en 2001 detectouse de novo a súa presenza na lagoa de Antela, tras extinguirse ó redor dos anos 50. O tamén ornitólogo Francisco Bernis recolle o uso do francés *butor* xa no século XII, vernáculo que deriva do latín medieval *but-taurus*, onde *but* alude ó berro pero non á ave. Engade que Plinio deu o nome de *Botaurus* a este xénero de aves acuáticas polo nome que se lle daba no sur de Francia: *taurus*, polo rouco berro. Recibe en castelán o nome común de *avetoro*: "El avetoro madre,/ oculto en el río,/ mete el pico en la tierra/ y suelta el ronquío" (BERNIS, F.: *Diccionario de nombres vernáculos de aves*, Gredos, Madrid 1995). Tamén en Portugal utilizan este termo, *abetouro*, e mais o de *touro-paul* para designar a esta especie (DMA:90). Ve-lo comentario a BOTAR 1 /13211 no apartado 9.11.3. *Bota-las vacas a pacer*. (PPXM, VCN).

13738 **almallo 4** *s.m.* Home desmañado e atoleirado. A nosa fonte define como "hombre desairado, atolondrado". (JMP).

13739 **araboi** *s.m.* Paxaro pequeno de cor escura e pescozo de cor azul. O paxaro que mellor responde a esta descrición é o pimpín (*Fringilla coelebs*), pola súa caluga de cor gris azulada e porque se rexistra en toda Galicia. Non é probable que sexa o papoazul (*Luscinia svecica*) porque só cría en Manzaneda e na Serra Segundera en Zamora (Mel1).

13740 **armenta** *s.f. Ú. m. en pl.* Mincha, pequeno molusco gasterópodo, comestible en moitos casos. A nosa fonte dá como lema *armentas*. Ríos Panisse cita a *Enciclopedia General del Mar* (Barcelona 1957). Antón Santamarina explica así a posible etimoloxía: "Parece palabra relacionada con el gall. *armentío*, 'ganado vacuno cuando son varias cabezas y forman rebaño' (ERG), que es a su vez palabra relacionada con el cast. *armento*, tomado del latín *armentum*, 'ganado mayor', 'cabeza de

este ganado' (Corominas). Semánticamente creo que la denominación puede estar motivada porque estos caracolillos aparecen en muchas playas en aglomeraciones. Estas aglomeraciones y los cuernecillos que tienen las hacen semejantes a un rebaño vacuno" (MCRPII:67). É a precedente hipótese etimolóxica a única razón que autoriza a inclusión desta voz neste libro, aínda que se debe reparar en que esta voz *armentas* só aparece nesta localización mentres que tódalas outras fontes que falan disto (Sarmiento, Sobreira, DRAG, ERG e a propia MCRP) recollan a voz *amenta(s)*, non *armenta(s)*: isto quere dicir que, se non é un pantasma léxico nacido dunha mala interpretación do rotacismo de *as mentas*, estariamos ante unha voz de circulación limitada, por máis que estea motivada por unha suxerente metáfora. (MCRP).

13741 **becerra 2** *s.f.* Capa escura e apelmazada da masa pouco cocida que, por veces, ten o pan por non estar ben esperta ó enfornala. *Pan de millo con becerra* (Burón, Cab., Cal., Ced., CLam3, Com1, Cur., Dum., ERG, Feás-A, Gui., Laxe, Mel1, Mez., Mra., Nove., Per., San., Sob., Toba, Ver1, Vil., Xun2).

13742 **becerra 3** *s.f.* Mancha escura pouco visible debida á humidade e que aparece na roupa branca que está moito tempo gardada. (Fra.).

13743 **becerriño** *s.m.* Persoa bruta. (Gud5).

13744 **becerro 3** *s.m.* Libro antigo de convento ou mosteiro coas páxinas de pergamiño. Os portugueses designan á guía telefónica da cidade de Lisboa cos nomes de *bezerra*, *vaca* ou *vaquinhas* (DMA:71). (ERG).

13745 **boi 2** *s.m. Cancer pagurus*. Crustáceo mariño comestible, de grandes pinzas, por veces chamado *boi de Francia*. Sarmiento no seu traballo *De los atunes y sus transmigraciones* (edición de J.L. Pensado, Salamanca 1992?, 67-68) escribe: "[22] Por otra parte; si en libros antiguos leyeren el adagio, *paguri sapientia*: en los libros de pezes, las propriedades del *pagùro*; y que la estatua de Diana Ephesina, tenia colgado al cuello, un *pagùro*, como symbolo de la prudencia; se quedaran a escuras, sin saber de quien se habla. Huèrta, que traduxo à Plinio, puso en castellano, *meya* y *paguro*; por el *pagurus* y *maea* de Plinio. Esto no es traduzir sino castellanizar el latin, y si no, preguntese à los pescadores què cosa es *meya* y *pagùro*? [23] Los que no han visto esos dos mariscos crustaceos, haran idea de ellos imaginando una araña, cuyo cuerpo es tan grande que su casco podria servir de mascara o caratula a un hombre; y con ocho patas y dos garras o brazos correspondientes. Digo, en resolucion, que ese marisco es la *maea* y la *centòla*. Imagìnese un cangrejo de mar, cuya concha o casco sea de figura oval; su superficie, tersa, al contrario de la de la centòla que es escabrosa, aspera, y con picos. Que su diametro largo es de un pie; y el menor de medio pie: que ademas de las ocho patas, tiene dos brazos ò garras (en latin *chelae arum*; y en gallego *cocas*). Y que los extremos de sus tenazas son negros; y digo, que ese marisco, es el *pagurus*; y en gallego *boy*; azia Vivero *noca*, y azia Pontevedra *esqueyro*". Segundo Sarmiento o nome de *bois* vénlle da semellanza das pinzas características do seu primeiro par de patas cos cornos: "Llaman los gallegos *bois* a unos como cangrejos grandes, pero no redondos sino largos de casi un palmo con la crusta tersa y con dos brazos monstruosos; del latín *boves*. Y porque dichos brazos, que en latín llaman *chelas*, en gallego *cocas*, representan la cornamenta de un buey, se llamaron *bois*" (*Colección* 1746-1770). Ríos Panisse dá 26 localizacións con o pechado e 7 con o aberto nas costas galegas. DRAG e Pintos dano como *Cancer oblongus*. (Abe2, Bouzas, Bueu2, Camb2, Cang4, Cesan., Corme2, DRAG, Esc., Esc2, Ézaro, Gro1, Gro8, Guarda, JMP, Laxe2, Malpi., Marín, Mera, Mogor2, Muga., Muros2, Muxía2, MVN, Noia, Panxón, Pnovo., Psin., PUme2, Rianxo, SCibrao, Vnova3).

13746 **boi 3** *s.m.* Buguina ou corno para chamar por alguén. Posiblemente sexa elipse de *corno de boi*. Ríos Panisse recólleo de Sarmiento (*Catálogo*, 405). *Non vistes hum corno/ de un grande carneiro/ mui entortillado/ que fai arrodeos/ ou hum lubigante,/ que e grande cangrejo?/ ou o caramuxo/ do[s] bois que acá temos/ cando polos cotos /os mozos ou nenos,/ para aturuxare,/ ou chamar os cerdos/ os sopran con forza/ e soan tan recio/ qu'a quem non o sabe/ lle pon muito medo?* (FMS5:114,484-487). (MCRP).

13747 **boi 4** *s.m.* Ver ABETOURO /13737. "*Botaurus stellaris*, L.- Gal. *Boy*; vulg. cast. *Ave-toro*.- Moy raro; vin e naturalicei un soio exemprar procedente de La Toja, propiadade [sic] de un señor de Vilagarcia". (LII:260).

13748 **boi 5** *s.m.* Home comellón e sumamente gordo. (DRAG, ERG).

13749 **boi 6** *s.m.* Tomate da pataca. Froito en forma de tomate que dá en superficie a planta da pataca (*Solanum tuberosum*) (Porto).

13750 **boieira 6** *s.f.* Carqueixa boieira. Crespo Pozo defíneo como especie de xesta que adopta

a forma de mata leñosa. Ver nota a CARQUEIXA BOIEIRA/7210 (CP, DRAG, FVG).

13751 **boieiro 2** *s.m.* Constelación boreal, na que os antigos crían ve-lo gardián do setestrelo (Osa maior ou Carro). (ERG).

13752 **brincabois** *s.m.* Ver REBENTABOIS /13819. (Bolo3, Trives2, Vald6).

13753 **cabestro 3** *s.m.* Persoa infeliz, de poucas luces. (Gud5).

13754 **cabestro 4** *s.m. fam.* Cada un dos dous Académicos máis novos (de entrada máis recente na Academia) que no inicio da cerimonia de ingreso dun novo Académico saen a buscalo á porta e o introducen solemnemente no salón de actos no que se realizará o acto de recepción. (Coruña4).

13755 **cangallas** *s.f.pl. fam.* Gafas. (GAL).

13756 **carnamuza** *s.f.* Ver CORNAMUZA /13767. (Gro1, Marín).

13757 **cataboi** *s.m.* Ver CORRIBOI /13802. "Pájaro que gusta de andar junto al ganado al pastar en la vega". (ERQ3).

13758 **cencerrada** *s.f.* Ver CORNETADA /13781. *Casáronse hoxe e veñen fuxindo da cencerrada porque ela é unha vella* (CAS1: *Os dous de sempre*, 371). "Si la boda es de un viudo o persona que, por su carácter, se preste a ello se le hacen *cencerradas*, es decir, que durante toda la noche, víspera de su boda, un grupo de mozos se reúnen delante de su casa y se la pasan tocando *chocas ia chocallos*" (Ancares2:183). (Ancares2, CAS1).

13759 **cónxuxe** *s.* A muller ou o marido con respecto á persoa con quen está casada ou casado. (DRAG2).

13760 **corna 3** *s.f.* Cabeza. (Cal.).

13761 **corna 4** *s.f.* Ver CORNO 4 /13793. Ríos Panisse (Abe2, Muros2) identifica esta *corna* coas especies *Assiminea grayana* (Abe2), *Bela trevelyana* (Abe2, Muros2) e *Buccinum undatum* (Abe2, Muros2). (Abe2, ERG, FMS, Muros2, Pentes1, RR:38).

13762 **corna 5** *s.f.* Aleta dorsal dos pequenos cetáceos. Eladio Rodríguez defíneo erroneamente como: "apéndice de tamaño relativamente grande que tiene la *candorca* en el hocico". Ríos Panisse copia esta definición e engade "Aleta de la *bufa*", citando a Eladio Rodríguez e Franco Grande. Debemos corrixir esa primeira definición porque a candorca (*Orcinus orca*) é un cetáceo sen o fociño prominente típico que presentan outros coma arroaces e golfiños, e carece de calquera apéndice, nin grande nin pequeno, no fociño. Pola contra, a súa aleta dorsal, extremadamente longa en relación ó tamaño do corpo e en comparación cos outros cetáceos, correspóndese ben coa descrición que dan as nosas fontes salvando o erro na situación. *Bufa* é nome que temos recollido indistintamente para o arroaz, o golfiño común e, maiormente, a toniña. Calquera das tres especies presenta unha aleta dorsal ben visible pero dun tamaño máis proporcionado ó tamaño corporal. Merece lerse como curiosidade a descrición fabulosa que do monstro mariño coñecido como *candorca* fixo Casto Sampedro e recolle o *Diccionario* de ERG. (ERG, MCRP).

13763 **corna 6** *s.f.* Corno furado que se utiliza para xungui-las dúas partes móbiles do mallo. (LG).

13764 **corna 7** *s.f.* Ver CORNO 3 /13792. (JMP).

13765 **cornabois** *s.m.* Ver ESCORNABOIS 2 /13807. (FMS, FVG).

13766 **cornacha 2** *s.f.* Lesma. (Pantón).

13767 **cornamuza** *s.f.* Peza de madeira con dous saíntes como cornos, que posúen os barcos para amarra-los cabos. (Ares, Car., Esc., Laxe, Sada).

13768 **cornecelo** *s.m.* Ver CORNIZÓ /13790. (Lim1).

13769 **cornecha 5** *s.f.* Ver CORNICHA /13786. (RR:92).

13770 **cornecha 6** *s.f.* Ver CORNELLA 4 /13775. (Com1).

13771 **cornecho 2** *s.m.* Pan con forma de cornos. (Com1, Gud., Gud5, Mel1, SComba, Sob., Vil.).

13772 **cornecho 3** *s.m.* Molusco mariño gasterópodo. Gro1 dá *Scala communis* como nome científico desta especie. Segundo as guías de moluscos de Emilio Rolán o nome actual é *Epitonium commune*, e entre a sinonimia histórica cita os de *Scala clathrus* e *Scalaria communis*. Ríos Panisse recolle dez especies de pequenos moluscos gasterópodos con este nome na costa galega: *Aporrhais pes pelicani*, *Assiminea grayana*, *Buccinum undatum*, *Calliostoma millegranum*, *Calliostoma zizyphinum*, *Littorina littoralis*, *Murex brandaris*, *Murex trunculus* e *Ocinebra erinacea*. (Gro1, MCRP).

13773 **cornecho 4** *s.m.* Caranguexo ermitán. (Car).

13774 **Cornelio** *s.m.* Nome de persoa. Prado *Lameiro* é autor deste epigrama: *Perguntábanlle ó marido / de certa alegre muller: / "Cornelio; vamos a ver, / ¿cantos fillos ti tés tido". / Y-él, qu'estaba sobr'aviso, / n'un istante respondéu: / "É cousa que non sei eu, / porqu'inda están pro indiviso"*. (PL5:52).

13775 **cornella 4** *s.f.* Vaíña dos legumes. Rivas Quintes recolle *cornelleira* como nome da vaíña dos feixós e da mesma planta. (Nove., Vala.).

13776 **cornello 1** *s.m.* Ver CORNIZÓ /13790. *No tempo da sega adicámonos a xuntar cornello. Andivémolo agro todo. Con tal de non tripar o centeo, ós donos non lles importaba que*

sacásemos o grao de corvo (XNV:106). *Tamén se andaba, coma hoxe ás 'setas', ó cornilló, cornello ou cornocelo que valía moito e daba un diñeiriño limpo, de faltriqueira* (Friei.:217). "Cornello: fungo parasito que se cría nos ovarios das flores do centeo, medraba ao xeito dun corno pequeniño de cor negra; o labrego apañábao nas centeeiras e vendíao ao peso nas feiras, para a elaboración de medicamento (XVP2:163). (Com1, Friei., Mel1, Oirós, Ped1, San., Ver1, Vil., XNV, XVP2).

13777 **cornello 2** *s.m.* Ver CORNELLA 4 /13775. (Ram.).

13778 **cornello 3** *s.m.* Tirizó. (Ver1).

13779 **cornería** *s.f.* Ver CORNETADA /13781. (Vala.).

13780 **corneta 4** *s.f.* Molusco gasterópodo. A nosa fonte (Esc.) define erroneamente como "Pez, *Murex trunculus*". Non só non existe ningún peixe con tal nome científico senón que este corresponde a un molusco gasterópodo semellante a unha buguina pequena, frecuente en Galicia e coñecido cos nome de *corneta* e *cañadilla* en castelán, ou *cornet* en catalán. (Esc., MCRP).

13781 **cornetada** *s.f.* Festa burlesca que nalgúns lugares se lles fai ós viúvos que volven casar, facendo ruído con cornos e chocas. *É moi normal o uso destes cornos, pois hoxe tanto se usan pra esa finalidade especial, como pra convocar aos veciños pra reparar un camiño ou limpar unha presa, ou si anda fogo no monte, como tamén pra as chamadas 'cornetadas' ou festas de escarnio con que os mozos da parroquia, polas noites, abouran ao viuvo ou viuva de que se ten a sospeita ou a noticia, non soio que vai casar de novo, senón que anda enredado en paliques con algunha solteira ou solteiro a horas ou en lugares que poden facer sospeitar* (Tebra2:17-18). (Ctel1, Raiaseca, Tebra2).

13782 **cornetán** *s.m.* Vacaloura, *Lucanus cervus*. (Mora2).

13783 **corneteira** *s.f.* Ver CORNETÁN /13782. (Mora2).

13784 **cornexada** *s.f.* Cantidade de líquido que leva un vaso feito dun corno. *Dame unha cornexada de augardente*. (Parade.).

13785 **cornicelo** *s.m.* Ver CORNIZÓ /13790. (Mra.).

13786 **cornicha** *s.f.* Molusco bivalvo, *Spisula solida*. Hai que recoñecer que a forma desta especie de ameixa (á que tamén lle chaman *ameixa branca*) non imita en nada ós cornos, polo que a denominación ten que vir do sifón dobre que emite ó exterior. (RR:92).

13787 **cornilleira** *s.f.* Pequena canle do muíño para o gran que sae da tolva. (Ver1).

13788 **cornilló** *s.m.* Ver CORNIZÓ /13790. (Friei., Pentes1, Ver1).

13789 **corniño** *s.m.* Molusco mariño. Levan este nome diversas especies de moluscos gasterópodos de pequeno tamaño, como as minchas. Pintos identificao coa *Nerita nigra* pero Ríos Panisse cita ata sete especies diferentes que reciben este mesmo nome popular en distintos portos da costa galega. (JMP, MCRP).

13790 **cornizó** *s.m. Claviceps purpurea*, fungo parasito do centeo e outros cereais, coa forma dun pequeno corno mouro. (Cal., Mez., Mra., Vil.).

13791 **cornizolo** *s.m.* Ver CORNIZÓ /13790. (JMP).

13792 **corno 3** *s.m.* Especie de buguina feita cun corno. *Sentimos os cornos dos pastores que levaban a avenza ó monte, antre penedías e piñeiraes* (Cou3:92). En Tebra chaman pola xente cun corno para carnear: *Pola mañán cedo, tan axiña como a vaca é sacrificada, en todo o val de Tebra empezan a escoitarse os 'cornos', como sinal de que a vaca xa se matóu e de que a xente pode ir ás puxas. É unha sorte de convocatoria ou de chamada pra o acto. No canto de tanguer as campás, o que se fai é tocar os cornos, pois éstes, o mesmo que aquélas, anuncian unha solemnidade. Neste mesmo ano, por exemplo, un equipo de altavoces andaba o día 6 polo val anunciando a festa, mentras os cornos facian o seu propio anuncio das puxas. É decir, que nin campás nin altavoces teñen nada que ver coa mata das vacas: os cornos son a única maneira de anunciar a solemnidade* (Tebra2:17). (Cou3, ERG, Tebra2).

13793 **corno 4** *s.m.* Denominación común a diversas especies de moluscos mariños gasterópodos de cuncha de gran tamaño. Existen varias especies de moluscos semellantes, pero consideramos como especie tipo a *Charonia lampas* (sin. *Ch. rubicunda*), o gasterópodo máis grande das costas galegas (chega a medir 25 cm). É o chamado *caracola* en castelán, e non se aproveita para consumo (só resulta comestible logo dun tratamento especialmente prolongado) senón pola súa cuncha, agora como obxecto decorativo ou de colección, pero ata hai ben pouco como instrumento musical moi común entre mariñeiros (para anuncia-la súa presenza en momentos de néboa), peixeiras etc. O *Léxico de O Grove* (de onde procede Gro1) dá como nome científico o de "*Nassa incrassata*". Nas guías de moluscos consultadas, este xénero só posúe especies propias do Indopacífico, pero si que temos nas nosas augas o xénero *Nassaritus*, representado por diferentes especies de pequenos moluscos gasterópodos, moi comúns, pero de 10 a 20 mm de lonxitude

e denominados comunmente cornechos. Ríos Panisse dá para as localizacións que ela estudou o nome de *Buccinum undatum*, pero o experto en malacoloxía Emilio Rolán non recolle esta especie como presente en Galicia. (Bares, Bouzas, Bueu2, Cam5, Cang4, Car., Cede., CFoz, Espa., Foz, Gro1, Laxe, Laxe2, Malpi., Mogor, Panxón, Riba3, Ribe3, Rinlo, RR, Vive3).

13794 **corno 5** *s.m.* Croque, vulto na cabeza como consecuencia dun golpe. (Laxe).

13795 **corno 6** *s.m.* Xaro ou xarro (*Arum italicum*), planta caracterizada polas súas grandes flores brancas en forma de corno ou funil. (Tirán).

13796 **corno 7** *s.m.* Ver CORNECHO 2 /13771. (Dum., Gud., Laxe, Razo).

13797 **corno 8** *s.m.* Antena dos crustáceos. Ríos Panisse defíneo realmente como "Antena de los mariscos", pero debemos concretalo a certos crustáceos decápodos nadadores. Tódolos crustáceos presentan dous pares de antenas: o primeiro par, as anténulas, cumpren unha función sensitiva; o segundo par, as antenas propiamente ditas, cumpren unha función principalmente táctil. É destas últimas antenas das que falamos agora. Este órgano é patente en especies como a lagosta ou o lumbrigante, e case inapreciable noutros, como a centola ou a nécora. Da mesma fonte sabemos que *corno* se utiliza tamén como denominación xenérica dos cangrexos (mesmo en Panxón), probablemente porque as pinzas semellen cornos. Dito isto, queremos anotar que as pinzas, que non teñen nada que ver con estas antenas, sérvenlle ós mariñeiros para levaren o sal a bordo, cousa que tamén fan coa punta dun corno de vaca e, polo tanto, cabe a posibilidade de que os informantes de Ríos Panisse se referisen ás pinzas e non ás antenas. (Bares, Cang4, Cede., Foz, Guarda, Laxe2, Panxón, Sada).

13798 **corno 9** *s.m.* Diversas especies de cangrexos mariños (cangrexo común, en Panxón; cangrexo ermitán, en Cam5, Corme2 e Sardi.). Denominación metafórica debida ás pinzas destes animais. (Cam5, Corme2, Panxón, Sardi.).

13799 **cornocelo** *s.m.* Ver CORNIZÓ /13790. (Friei.).

13800 **cornucho 1** *s.m.* Ver CORNECHO 2 /13771. (Gud., Ram.).

13801 **cornucho 2** *s.m.* Especie de moño na parte superior da bola de pan. (Gro5).

13802 **corriboi** *s.m. Burhinus oedicnemus*, paxaro propio de terras húmidas e litorais, comunmente chamado *pernileiro*. A nosa fonte lematiza como *corribói*. Rivas Quintas describe esta ave como "pájaro acuático de la laguna de Antela; es de color ceniza y patas largas; pone unos huevos grandes como de gallina casi. Revolotea desde el anochecer y corre mucho por el suelo, gustando andar alrededor del ganado durante el día". Noutro momento (s.v. *carroi*) descríbeo como "pájaro acuático de la vega pantanosa a la derecha del Arnoia, su color es *arroxado*, es decir, rubio. Pone dos huevos grandes también *arroxados*, sobre guijarros, sin nido. El pl. es *carrois*. En la Limia, a unos seis kms., los llaman *corribóis*". Identifícámolo co pernileiro (*alcaraván*, en castelán) pola descrición e o comportamento, así como pola posibilidade de ser un caso máis dunha denominación onomatopéica: o seu canto característico semella un *chorrlí, chorrlí*, pero non podemos asegurar que se trate realmente desta especie. (Xun2).

13803 **curnucho** *s.m.* Ver CORNECHO 2 /13771. (Goián).

13804 **detén-bois** *s.m. Ononis spinosa*, gatuña, herba que bota numerosas e recias raíces que dificultan notablemente a arada. Font Quer recolle o seguinte comentario: "Algunos la llamaron *anónide* y *remora aratri*, que quiere decir detenedora de los bueyes y del arado, porque suele nacer por las heredades y no hay planta que más haga renegar a los labradores, enlazándoles los pies y el arado. A sus raíces profundas y recias, difíciles de arrancar, aluden numerosos nombres populares de esta especie. En tierras toledanas y en romance del siglo X, ya se llamaba *frannefirrino*, esto es, rompedor del arado.[...] A esta misma idea obedecen los nombres castellanos actuales: *detiene buey*, *quiebraarados*; el portugués *resta-boi*; el catalán *afronta-cavadors*, que podría traducirse por *deshonra-cavadores*; y aun el vasco *galdarrona*, según interpretación que le da Guinea: de *goldea*, arado, *arrotu*, levantar, y *ona*, bueno, esto es, bueno para levantar el arado" (FQ:364-365). (VLLM).

13805 **escarnabois** *s.m.* Ver VACALOURA 1 /13840. (Feás-A, Rama.).

13806 **escornabois 1** *s.m.* Ver VACALOURA 1 /13840. (CGG2, ERG, Gro5, Mel1, Mez., MLP, Mra., Vala., Ver1, XERCG, Xun.).

13807 **escornabois 2** *s.m. Sorbus aucuparia*, árbore chamada así pola dureza da súa madeira. Recibe tamén os nomes de *cornabude*, *cornabuto*, *cornacabras*, *escornacabras*, así como *cancereixo*, *capudre* e *capudrio*. (CF1, CMM, FMS, FVG).

13808 **escornavacas** *s.m.* Ver VACALOURA 1 /13840. (Gud.).

13809 **esganabois** *s.m.* Herba non identificada. A única información que dá a nosa fonte é "variedad de hierba". (Toba).

13810 **esterqueira 2** *s.f.* Casa pouco limpa e chea de lixo. Denominación metafórica. *Sete cadelas,*

que foi todo o que se embolsou Augaviños por todo. E de contra deixaronlle a peza o mesmo que unha esterqueira, chea de cascas de óvos, osos de porco, papeles engrasados ¡o demo! e por riba de todo, un cheiro a allos podres qu'adoecía (GB1:155). (ERG, GB1).

13811 **gardagandos** *s.m.* Lavandeira (*Motacilla alba*). Chámaselle así porque vai detrás do gando comendo os bichos que foxen do gando ou que descobre ó arar. Entre a abundante sinonimia desta ave recolleremos só aqueles nomes que fan referencia á súa relación co gando: *alindadora*, *gardadeira* (Taba.), *labradeira* (Tiora1), *labradora* (ERG), *labrandeira* (Cou3, Gud5), *lambrandeira* (Tioira1), *pastoriña* (Ver1) e *paxaro pastor*. En Aragón e Navarra recibe o nome de *engañapastor*. Ríos Panisse recolle as formas *labradora* e *labrandeira*, que Antón Santamarina explica así: "Semánticamente estas denominaciones responden a la movilidad del animal que da la impresión de estar siempre trabajando" (MCRPII:29). En Portugal (DMA:26, 124) atopamos denominacións deste paxaro máis próximas ó noso campo semántico: *boieira* e *boieirinha*, así como *beirinha* que supón contracción de *boieirinha*. O mesmo autor recolle tamén o nome de *bovarina* en italiano, "por costumar viver na vizinhança dos rebanhos e do gado vacum". *O que mate a labrandeira ten que te-la mau lixeira* (Morei:371) (Arbo, LG).

13812 **gornicelo** *s.m.* Ver CORNIZÓ /13790. (Xun.).

13813 **leite 4** *s.m.* Esperma, seme. "Un niño y una niña podían ir juntos a un pajar sin que nadie se diera cuenta y *andaban ó do boi e a vaca*: se tocaban, podían desnudarse y, alguna vez, iban hasta el final; en estos mismos lugares los niños podían *sacarse o leite* (masturbarse) los unos a los otros" (MMC2:246). (Cab., Com1, Gui., MMC2, Pantón, Razo, Vala.).

13814 **leite 5** *s.m.* Zume branco que deitan algunhas árbores e froitas, e tamén o que se extrae dalgunhas sementes. (ERG, Gro1, LCA1).

13815 **manteigada** *s.f.* Pretexto, excusa, disculpa para non traballar. (Fra.).

13816 **marreabois** *s.m.* As nosas fontes só din "variedad de hongo" ou "clase de hongo", pero polos sinónimos supoñemos que é a *Amanita muscaria*. (Este., Ver1).

13817 **matabol** *s.m.* Insecto -supoñemos que un tabán- que mortifica cruelmente o gando equino e vacún. Eladio Rodríguez non describe o insecto pero traduce o nome polo castelán *matabuey*. Tampouco isto nos dá moita máis información porque no DRAE, *matabuey* non é un insecto senón "planta umbilífera de sabor amargo, amarguera". (ERG).

13818 **mazaleite** *s.f.* A nosa fonte define como "planta, *Alucita puntadactyla*". O problema é que esa denominación técnica (que supoñemos erro por *pentadactyla*) designa un insecto. E no *Diccionario de Diccionarios*, *Frampas III* (de Rivas Quintas) recolle *mazaleites*, que define como "clase de insecto" na Ferrería do Incio, o mesmo lugar precisamente de onde procede a información de Incio (quitada do *Glosario de voces galegas de hoxe*). (Incio).

13819 **rebentabois** *s.m.* Cogomelo velenoso, *Amanita muscaria*. (Bolo3, Trives2, Vald6).

13820 **toura 10** *s.f.* Ver TOURIÑA 1 /13823. *Veño d'a bodega d'o Caroceiro, de comer unha lebre mais longa que unha toura*. (An2:139).

13821 **toura 11** *s.f.* Roda de afiar que usan os afiadores ambulantes. No barallete. (Morei.).

13822 **tourada 3** *s.f.* Batifondo, discusión acalorada e barullenta. *Xa hai tourada outra ves*. (Ctel1).

13823 **touriña 1** *s.f.* Furón bravo, tamén chamado *rabisaco*, *Mustella putorius*. (VLLM).

13824 **touriña 2** *s.f. Phocoena phocoena*, pequeno cetáceo máis coñecido como toniña. (Sada).

13825 **touro 3** *s.m. Ú. t. c. adx.* Porco macho sen capar. *Porco touro*. (Cou1, CP).

13826 **tourón 2** *s.m.* Ver TOURIÑA 1 /13823. (ERG).

13827 **tourón 3** *s.m.* Insecto parecido á cadela de frade (*Forficula*). A denominación pode vir da semellanza das pinzas posteriores cos cornos do touro. (Córco.).

13828 **tourón 4** *s.m.* Dureza da terra producida polas continuas xeadas. *O terreno criou tourón con tantas geadas*. Aníbal Otero localízao na Gudiña. (AO2, ERQ3, ERGa).

13832 **vaca 4** *s.f.* Ova de raia, con catro apéndices longos cos que se suxeita ás algas, e que poden da-la imaxe duns cornos. (Camb2).

13833 **vaca 5** *s.f.* Femia do crustáceo coñecido como *boi* ou *boi de mar*. (Gro1, Gro8, Lira).

13834 **vaca 6** *s.f.* Ver PEIXE VACA /13911. (Muxía2).

13835 **vaca 7** *s.f. Aplysia punctata*, lebre de mar, molusco gasterópodo e sen cuncha, semellante a unha gran lesma pero de mar. (Muga.).

13836 **vaca 8** *s.f.* Foca, *Phoca vitulina*. Antón Santamarina observa que "ya el nombre científico hace referencia a la cría de la vaca, y en otros romances se usan voces derivadas de *Vitellus marinus* o *Vitelus marinus*". (Laxe2, Sada).

13837 **vaca 9** *s.f.* Morsa (*Odobenus rosmarus*), mamífero pinnípedo inexistente en Galicia pero coñecido polos mariñeiros. Recibe este nome pola corpulencia destes animais. (Corme2, Mera, Panxón, PUme2).

13829 **vaca 10** *s.f.* Pan. Úsase nas adiviñas. (PM:1028).

13830 **vaca 11** *s.f.* O noso informante defíneo como "certos fungos que se dan nas árbores". Ver LINGUA DE BOI 3 /13942, LINGUA DE BOI MOURO /13943 e LINGUA DE VACA 4 /13947. (Pentes1).

13831 **vaca 12** *s.f.* Semáforo acústico mariño que se usa nos días de brétema. Como o son desta potente bucina evoca o bruar dunha vaca, en Fisterra a este semáforo acústico chámanlle 'A Vaca'. Marilar Aleixandre publicou no 2003 *A Vaca de Fisterra e a trabe de alcatrán* (Ed. Edelvives - Tambre, Zaragoza). Nunha presentación di o que segue: "Conta a voz narradora que viu un día a Vaca de Fisterra en Touriñán. Poucos acertan a vela pois é demasiado grande e de preto confúndese con penas e árbores. Recoñeceuna polo seu bruar, que é o único que coñecen os fisterráns e por iso lle chaman 'A vaca' á bucina do faro". Véxase en 15.2.2. o topónimo *A Vaca* (Fiste.).

13838 **vacaloira 1** *s.f.* Ver VACALOURA 1 /13840. DMA: *vaca-loira*. (Ardán, DMA, Marín, MVJ).

13839 **vacaloira 2** *s.f.* Ver VACA 4 /13832. Fai alusión á cor moura destas ovas. (Mogor2).

13840 **vacaloura 1** *s.f.* Insecto coleóptero (*Lucanus cervus*). O macho ten unhas mandíbulas modificadas que semellan grandes cornos ramificados. En Portugal, *vaca-loura*, *vaca-loira* e *vaca-negra*, así como *cabra-loura* (DMA:88). O macho ten unhas enormes mandíbulas que perderon a súa función mastigadora e que se transformaron en fortes armas, alongadas e ramificadas a modo das hastas do cervo, de onde lle veñen o nome científico (*Lucanus cervus*) e moitos vernáculos: *cerf-volant* en francés; *buhaiu* (touro) e *cervariu*, en romanés; e *ciervo volante*, en castelán. A cor *loura* ten hoxe o referente da cor castaña, máis ou menos escura, e tamén o da cor dourada. A *vacaloura*, polo contrario, é practicamente negra, conservando o sentido que *louro* tiña nos textos antigos como sinónimo de mouro, escuro, negro. Sobreira citaba a *cereixa loura* como sinónima de *cereixa negral* (CGG2: *Vacas louras e nenos loiros*, 337). Os *cornos* da vacaloura son utilizados tradicionalmente como amuleto contra o meigallo e a envexa. Constantino García recolle nun dos seus artigos a seguinte hipótese etimolóxica: *¿Por que este insecto é chamado 'vaca de cor loura'? Penso que [...] hai que ter en conta que as palabras son modificadas polas xentes por influencia doutras, ben por parecidos fonéticos ou ben por comparacións. Está claro que unha 'vacaloura' non ten nada que ver cunha vaca. Probablemente esta voz ten relación co 'abesouro', que é unha variante de 'abellón', e coa voz portuguesa actual 'besouro', que segundo o etimoloxista Corominas proceden dunha forma prerromana, ou mellor dito celta, que sería algo así como 'beko'. Así pois se partimos de que existiu primeiramente un nome celta (algo así como 'becosouro'), por razóns de parecido fonético e por comparación festiva esta voz foi modificada en 'vacaloura'* (CGG2: *Vacalouras ou escornabois*, 491). No mesmo artigo toma do dicionario portugués de Figueiredo a crenza de que para matar este insecto basta con cuspirlle, así como que un boi rebenta se o come. Esta crenza xa a tiñamos nós recollida pero referida a outro insecto que non ten nada que ver coa vacaloura: o *agano* ou *agana*, *sanguiña* etc., do que falamos amplamente no capítulo 8.5.7. *Patoloxía (Estomatite)* que nos levaría a distingui-la *vacaloura* galega da *vacaloira* portuguesa. En http://maria.fremlin.de/stagbeetles/nomes.html o lector pode encontra-las denominacións populares deste insecto en 40 países europeos (Común).

13841 **vacaloura 2** *s.f.* Abellón (*Vespa crabo*). (Drago.).

13842 **Vacaloura 3** *s.f.* Colectivo de matemáticos que publicou o primeiro libro de texto de matemáticas en galego en 1979. (GEG).

13843 **vacalume** *s.f.* Vagalume (*Lampyris noctiluca*). (Ombre).

13844 **vacamorta** *s.f.* A nosa fonte traduce como "pandorga". Supoñemos que se refire á acepción de "muller gorda, pesada, frouxa". (Nove.).

13845 **vacanegra** *s.f.* Tren. Na lingua dos telleiros e dos cesteiros de Mondariz. (ALE, Mond1).

13846 **vacarrubia** *s.f.* Ver VAQUIÑA VEIRA /13977. O nome fai relación á cor vermella característica dos élitros, pero, unha vez máis, descoñecémola razón da denominación de *vaca*, que non aclara Bouza Brey. Pero lémbrese que tamén en castelán ten un nome semellante: *vaca de San Antón*. (Esgos).

13847 **vacorelo** *s.m.* Insecto negro con cornecha. Ignoramos se este insecto, que unicamente encontramos nun texto de Ánxel Fole, onde aparece asociado á rela, ten algo que ver co gando, máis aló da súa suxerente grafía. O texto de Fole é este: *Agora deulle polo amore. Eu coidaba que isas cousas eran dos señoritos. ¡Bacaceiro! Criamos unha cóbrega e non un home de proveito. Relas e vacorelos che se meteron nos miolos* (Cou3:69-70). Fole, no seu vocabulario final, define así os tales *vacorelos*: "Inseitos mouros con

cornecho". Pensamos se se estará referindo á cadela de frade (*Forficula auricularia*), que posúe unhas pinzas posteriores que poderían semellar un par de pequenos cornos e da que existe a crenza popular de que se mete nos oídos da xente para poñe-los ovos no seu interior, e despois as larvas que nacen deles lle roen o cerebro. Nese caso os tales *vacorelos* si que estarían ben asociados coas relas (que roen) e explicaríase a frase "che se meteron nos miolos" provocando a tolemia do rapaz que se subira a un freixo para suicidarse por mor dun desengano amoroso. (Cou3).

13848 **vaqueira** *s.f.* Ver GARDAGANDOS /13811. (LG, Mede., Ver1, Vil.).

13849 **vaqueiro 3** *s.m.* Ver MUXE VAQUEIRO /13905. (Bares, Burela2, Foz).

13850 **xato 5** *s.m.* Catro. No barallete. (Morei.).

13856 **xugo 7** *s.m.* Correa que une as dúas capelizas do mallo. (Cab., Com1, GAL, Ibias1, Laxe, Ped., Suarna).

13857 **xugo 8** *s.m.* Banda ou estola que se lles poñía ós noivos sobre os ombreiros no acto do casamento. (AFF:41, XRMF1).

13858 **xugo 9** *s.m.* Cepo da campá. *Cada 'cepo' ou 'xugo' ten dous 'eixes' e 'ferraduras' ou 'ferraxes' para pendurar as campás, 'Encepar' e 'enxugar as campás' é poñer o 'cepo' ou 'xugo' dunha campá eixado nos 'zocos' da espadana ou campanário, para que poda voltar e tanguer tirando da cadeia ou cadea, enganchado no 'cepo' ou 'xugo' da campá*. (Parade.:189).

13851 **xugo 10** *s.m.* Cada un dos traveseiros que, colocados sobre os postes ou esteos, forman o emparrado das vides, e sobre os que pasan os fíos de arame, barrote ou cana ós que se atan as cepas. *As latas ou parras están formadas por dúas ringleiras de esteos, de madeira ou pedra, que se corresponden dous a dous. Os esteos simétricos van unidos por un pao, o 'xugo', e de xugo a xugo colócanse varas ata formar unha urda na que se atan os sarmentos* (XRMF4:73). (JMP, Marín1, XRMF4).

13852 **xugo 11** *s.m.* Cada un dos paus cruzados no interior do trobo para que faga de soporte ás abellas para construí-los panais. *Dentro leva* [o trobo ou colmea] *dous pares de paos cruzados, os 'xugos' ou 'fustes' (Balouta), que terman dos 'panais', e unha tapa por riba e outra por baixo, ambas as dúas de madeira, ben pechadas con 'esterco' de ovella ou 'buñiga' ('moñiga', 'boñiga') de vacún* (Ancares:371). (Ancares, Ancares2).

13853 **xugo 12** *s.m.* Cada unha das madeiras ou pedras de reforzo dunha parede ou porta. *O canteiro e o mamposteiro na construción da parede traballan na 'estada' ou andame* [...] *sostida por 'xugos' ou estacas cravadas na parede* (Parade.:35). (Cab., Gui., Parade., Toba).

13854 **xugo 13** *s.m.* Situación de sometemento a unha persoa ou entidade de máis forza. *O noso pobo foi vítima do maquiavelismo castelán, pois era capaz de levantarse contra os seus señores i endexamais pudo sacudir o xugo con que el mesmo axudou a someter á súa patria. Porque os nobres salvaronse moi logo da pauliña dos reis; pero a plebe nunca pudo erguer a súa frente sudorosa. E daqueles erros e desventuras ficou Galiza enferma de escepticismo*. (CAS1:*Sempre en Galiza*, 460).

13855 **xugo 14** *s.m.* Vínculo matrimonial. *Para contere aquela culimaia de túzaros estraloxos, o Tempo non tivo que pensá-lo muito, e ocurreuselle o qu'a tódo-los pais que non saben sé-lo: ¡ansias fóra! qu'o xugo do matrimonio e a canga das obrigas termara deles. E os meses casanose. ¿Con quen? Non se sabe de certo. Din que con doce asteroides, inda que ben poden ser contos de Díxome-díxome, que foi o meirande mentirán que ouviron os nados. O certo é que se casano e que cada un tivo unha rolada de fillos*. (VT2:75).

13859 ***cuerna** *s.f.* Instrumento musical dos pastores feito dun corno de boi aberto nos extremos e cuns buratos na parte máis ancha. (VGR).

13860 ***cuerno 2** *s.m. Ú. m. en pl.* Ver CORNO 6 /13795. (Goián).

13861 **becerro do mar** *s.comp.m.* Ver BOI DE MAR /13870. Eladio Rodríguez (s.v. *lobo*) di que o lobo mariño ou foca tamén se chama *becerro do mar* "porque brama a semejanza de estos cuadrúpedos. Vive constantemente en las costas marítimas y López Seoane cree que las de Galicia y especialmente las del litoral comprendido entre La Coruña y Ribadeo son a propósito para estos anfibios, cuyas singulares costumbres han dado origen a muchas preocupaciones vulgares. Salen a tierra para dormir, tenderse al sol o lactar a sus hijuelos en tiempo de la cría. Viven juntos por centenares de individuos en un mismo paraje, dentro de la mayor armonía y divididos en familias, cada una de las cuales se compone comunmente de un macho y tres o catro hembras con los hijos. Nadan con la cabeza y parte de las espaldas fuera del agua, y como sus ojos son grandes, brillantes y expresivos parecen personas nadando si se ven de cierta distancia, de donde nació, sin duda, la fábula de las sirenas convertidas por la imaginación humana en fascinadoras mujeres, cuyo canto

atraía a los navegantes para sepultarlos en el fondo del mar". (ERG, MCRP).

13862 **becerro mariño** *s.comp.m.* Ver BOI DE MAR /13870. (MCRP).

13863 **boi arrieiro** *s.comp.m.* Ver BOI 2 /13745. (Sardi.).

13864 **boi bravo 3** *s.comp.m. Calappa granulata*, crustáceo decápodo semellante ó boi común (*Cancer pagurus*) pero de menor calidade. Antón Santamarina explica que se denomina *boi* pola súa semellanza co outro crustáceo chamado así, e *bravo* por non ser comestible. Realmente, comestible si que o é, pero de moita menor calidade e aceptación có boi común. (Ares2).

13865 **boi d'altura** *s.comp.m.* Crustáceo decápodo de cacho veludo (*Pilumnus hirtellus*). (Guarda).

13866 **boi d'area** *s.comp.m.* Crustáceo decápodo tamén veludo (*Dromia personata*, antes *D. vulgaris*). (Noia2).

13867 **boi de Deus** *s.comp.m.* Ver VAQUIÑA VEIRA /13977. En Vilafranca do Bierzo chámanlle *boín de Dios* (*Boín de Dios,/ contame as alas/ y vaite con Dios*). (Castro., FBB5b:433).

13868 **boi de fondío** *s.comp.m.* Ver BOI 2 /13745. (Muga.).

13869 **boi de Francia** *s.comp.m.* Ver BOI 2 /13745. Aplícase ó crustáceo procedente de importación doutros países, de inferior calidade có boi das nosas rías. Ríos Panisse recolle as formas *boi de Francia* en Ares2, Caión, Cede., Espa., Miño e Sada; e *boi de Fransia* en Cam5, Carril, Laxe2 e Sardi. (Ares, Ares2, Caión, Cam5, Car., Carril, Cede., DP, Espa., Laxe, Laxe2, Miño, Sada, Sardi.).

13870 **boi de mar** *s.comp.m.* Lobo mariño, foca común, tamén chamado becerro mariño (*Phoca vitulina*). Ríos Panisse recólleo de Eladio Rodríguez. En Portugal, *bezerro* e *peixe-homem*, ademais do máis común *lobo-marinho* (DMA:86). (ERG, MCRP).

13871 **boi do mar 1** *s.comp.m.* Ver BOI 2 /13745. (Foz, Panxón).

13872 **boi do mar 2** *s.comp.m.* Ver BOI DE MAR /13870. DRAG dáo como "nombre vulgar del hipopótamo y de las focas". Non parece verosímil que se aplique tal nome ó hipopótamo, toda vez que este animal habita exclusivamente en augas doces e nunca se lle veu no mar. (DRAG, MCRP).

13873 **boi mariño** *s.comp.m.* Ver BOI DE MAR /13870. Ríos Panisse recólleo de Eladio Rodríguez. (ERG, MCRP).

13874 **boi *moro** *s.comp.m.* Ver BOI D'AREA /13866. (Corme2).

13875 **boi peludo** *s.comp.m.* Crustáceo decápodo (*Eriphia verrucosa*, antes *Cancer spinifrons*). No Grove chámanlle *boi peludo* ou *felpudo* á centola da ría (*Maja squinado*), cando é pequena. (Noia2, Psín.).

13876 **boi pequeno** *s.comp.m.* Crustáceo decápodo (*Xantho poressa*, antes *Cancer hydrophilus*). (Ribe3).

13877 **boi vidal** *s.comp.m.* Ver BOI 2 /13745. Ríos Panisse recólleo de L. Villaverde (*Mariscos de Galicia*, Ed. do Castro, La Coruña, 1974). (MCRP).

13878 **can da facenda** *s.comp.m.* Ver CAN DO GADO /13879. Friei. escribe *can de facenda*. "Los perros del ganado (*cais de palleiro*, *cais da facenda*) no son sometidos a educación de ningún género" (Gud7:57). (Friei., Gud7).

13879 **can do gado** *s.comp.m.* Can que vai co pegureiro para garda-lo gado no monte. (Parade.).

13880 **carro das estrelas** *s.comp.m.* Osa menor. (LT2).

13881 **carro do ceo** *s.comp.m.* Constelación máis coñecida como Osa maior. Outras denominacións populares son *carro*, *carro das estrelas*, *carro do ceo*, *estrelo*, *grade*, *setestrelos*, *sete estrelas do norte*. (ERG).

13882 **cereixa de carne de vaca** *s.comp.f.* Ver CEREIXA DE TETO DE VACA /13883. A nosa fonte non describe as características destas cereixas e tan só nos di: "Certa clase de cereixas". (Gud5).

13883 **cereixa de teto de vaca** *s.comp.f.* Variedade de cereixa de forma alongada, tamén chamada *cereixa longás*. (Piquín).

13884 **contos de feira** *s.comp.m.pl.* Ver FALAS DE FEIRA /13889. *Tamén dixo que eso de ilustrarse eran contos de feira, pois moitos dos que emigran cando se van son persoas que teñen bó xuicio pra entender e razoar moitas cousas e que dempois se volven monifates* (XNV:57). *Xastre traballador e amores de costureira sonche contiños da feira* (XTC4). (XNV, XTC4).

13885 **corno da lúa** *s.comp.m.* Cada unha das dúas puntas da lúa no cuarto crecente ou minguante. Ver POÑER NOS CORNOS DA LÚA /14290. (Parade.).

13886 **día de picaboi(s)** *s.comp.m.* Día solto, día de traballo. *¡Mañán é día de pica-boi* (ZM:133), *imos á cama cedo, que mañá é día de picabois* (Antas4). ERG (s.v. *día*) refíreo especialmente ós días nos que o labrador traballa co arado. O resto dos informantes non especifica o tipo de traballo e todo parece indicar que se trata de calquera traballo físico. E tampouco nos atrevemos a excluír que, por metáfora, se utilice (ou utilizase) algunha vez aplicado a traballos distintos, coma o dos estudantes, médicos, avogados, oficinistas, da mesma maneira que os traballadores manuais din moitas veces *mañá é día de escola*, transpoñendo ó seu traballo manual o traballo académico. (Antas4, ERG, ERQ4:235, JASA3:183, LCA1:598, ZM).

13887 **día de puxaboi** *s.comp.m.* Ver DÍA DE PICABOI(S) /13886. *Fíxolle un agarimo e -Vamos dormir que mañan é dia de ¡puxa-boi!.* (VD:379).

13888 **estrela boeira** *s.comp.f.* Planeta Venus, segundo Llópiz. *Estrela boeira, vaite deitar, que os vosos boeiros vanse cear* (VLLM). Supoñemos que a relación cos bois (ou cos pastores: *boieiros*) está no feito de se-la primeira *estrela* que se ve ó solpor e a última que desaparece ó mencer. (VLLM).

13889 **falas de feira** *s.comp.f.pl.* Palabras sen ningún valor, afirmacións ou compromisos nos que non se pode crer. *Os teus xuramentos/ son 'falas de feira'/ pois de min t'acordas/ si me tés á veira*. (JBS:6).

13890 **grao de corno** *s.comp.m.* Cornizó do centeo. (Gun.).

13891 **gripe da vaca** *s.comp.f.* Enfermidade humana febril, con aumento da salivación, inchazón e prolapso da lingua e caída da mucosa desta. (Mel3).

13892 **herba becerra** *s.comp.f. Antirrhinum majus*, tamén chamada *herba do can*. ERG explica que se cría en terreos incultos e xardíns, que dá flores de varias castes e que o seu nome vénlle do froito que produce: unha casula rara que cando está seca representa o fociño dun becerro. (ERG, FVG:96).

13893 **herba da becerra** *s.comp.f. Polygonum maritimum*, polígono da praia. ERG descríbea como "planta amarga y parecida al asenjo, si no es una especie de él" e dá como sinónimos *abrótano* e *lombrigueiro*. Sería posible que se tratase doutra especie diferente da que tomamos da FVG. (ERG, FVG:38).

13894 **herba das vacas** *s.comp.f. Datura stramonium*, tamén chamado *estramonio* ou, popularmente, *herba do demo*. Segundo Sarmiento, recibe o nome de *herba das vacas* ou *herba do asno* porque, postas as follas sobre as amatas dos animais, cúranas. Na *Flora vascular galega* podemos atopa-la seguinte sinonimia: *corno do cervo, croxón, estramonio, fedorentos, fedores, figueira do demo, figueira do inferno, figueira tola, gorgullo, herba das nacidas, h. do asno, h. do corno, h. do demo, h. do inferno, h. do morto* (FVG:95). (AD2, FVG).

13895 **herba do boi** *s.comp.f.* Herba, *Santolina chamaecyparissus*. (Cab.).

13896 **herba do gado** *s.comp.f.* Ver HERBA DO GANDO 1 /13897. (Cal., Mra., MVN, Raiaseca, Xun.).

13897 **herba do gando 1** *s.comp.f. Helleborus foetidus* ou *H. viridis*, herba medicinal utilizada tradicionalmente para cura-las nacidas do gando, tamén coñecida como *herba dos bois*. Ver nota a esta mesma entrada no capítulo 8.1.4. *Patoloxía: As plantas medicinais*. (ARR:153, FVG:46, MVN, XRG2:103).

13898 **herba do gando 2** *s.comp.m. Veratrum album*, planta da familia das liliáceas, con talos ergueitos, follas alternas, ovais e nerviadas. Descoñecemos se ten uso medicinal. Tamén recibe o nome de *heléboro branco*, aínda que non ten que ver co *Helleborus foetidus* (*herba do gando*). (Parade.).

13899 **herba do gando 3** *s.comp.f. Asphodelus albus*, máis coñecida como *abrótega*, *apóutiga* ou *gamón*. (FVG:116).

13900 **herba dos bois 1** *s.comp.f.* Ver HERBA DO GANDO 1 /13897. (FVG:046).

13901 **herba dos bois 2** *s.comp.f. Halimium alyssoides*, tamén chamada *boieira* e *carqueixa boieira*. (FVG:074).

13902 **herba leiteira** *s.comp.f. Chelidonium majus*, herba das papaveráceas, tamén chamada *celidonia*, *ceruda*, *herba andoriña* ou *h. das verrugas*. (Parade.).

13903 **herba toura** *s.comp.f. Orobanche rapum-genistae*, planta parasita das raíces de xestas e toxos, de flores en espiga e follas escamosas. GEG di *herba tora*. Segundo Sarmiento, era crenza popular que as vacas saían en celo cando comían esta herba, de aí o nome. Para outras especies deste mesmo xénero de plantas parasitas recollemos en Portugal as seguintes denominacións: *erva-toira-barbuda*, *erva-toira-das-areias*, *erva-toira-denegrida*, *erva-toira-ensanguentada*, *erba-toira-maior*, *erva-toira-menor* e *erva-toiro* (DMA:155). (GEG, MVN).

13904 **mazá de papo de boi** *s.comp.f.* Mazá de gran tamaño, amarela e insípida. (Piquín).

13905 **muxe vaqueiro** *s.comp.m.* Muxe grande, en contraposición co *muxe xateiro* ou *xadeiro*, o pequeno. (Foz).

13906 **ollada de boi** *s.comp.f.* Mirada extraviada. [Toño] *Tería vinte anos. A súa ollada parecía a dun boi, fora Dios i a alma. Pareceume un pasmón. Falaba pouco, e ríase sen tér por qué*. (Cou3:85).

13907 **ovella das vacas** *s.comp.f.* Ovella que sempre sae a pacer coas vacas. *Na outra feira, que dista dous pendellos de viño pola metade, os ovelleiros fían a la dos tratos, abrindo as bocas dos animais adultos, erguéndolles o rabo, remexendo a historia dos paricios, leriando coa labrega se o animal é gando das vacas ou do monte. -Das vacas, señor. -Pois non mo parece. -Ai, non parecerá, non*. (XVP2:150) (Com1, XER, XVP2).

13908 **ovella de tras das vacas** *s.comp.f.* Ver OVELLA DAS VACAS /13907. (XER).

13909 **pataca de ollo de boi** *s.comp.f.* Variedade de pataca cos ollos moi pronunciados. (Cre., Piquín).

13910 **pedra de leite** *s.comp.f.* Variedade de creta branca, fariñenta, lixeira e suave ó tacto. (ERG).

13911 **peixe vaca** *s.comp.m. Cetorhinus maximus*, escualo de gran tamaño e lentos movementos, máis coñecido como *bobo* ou *peixe bobo*. (Muxía2).

13912 **pera de manteiga** *s.comp.f.* Clase de pera de carne moi branda e celmosa que se desfai na boca. (ERG).

13913 **pera de manteiga de ouro** *s.comp.f.* Pera de cor amarela forte, case dourada, e ademais de carne suave e manteigosa. (ERG).

13914 **tenreira do mar** *s.comp.f.* Foca común, *Phoca vitulina*, tamén chamada *tenro do mar*. (ERG, MCRP).

13915 **vaca do mar 1** *s.comp.f.* Ver VACA 9 /13837. (Miño, Sada).

13916 **vaca do mar 2** *s.comp.f.* Ver VACA 5 /13833. (DP, Gro8).

13917 **vaca mariña 1** *s.comp.f.* Cetáceo máis coñecido como *caldeirón común* (*Globicephala melas*). Co mesmo nome denomínanse certos sirénidos, non presentes nas nosas augas. (PPXM2).

13918 **vaca mariña 2** *s.comp.f.* Ver VACA 8 /13836. (Cede., SCibrao).

13919 **vaca mariña 3** *s.comp.f.* Calquera dos mamíferos acuáticos da orde dos sirénidos. Eladio Rodríguez define *manatí* como "vaca marina", e *peixe muller* como "pez mujer, mamífero pisciforme que en nuestro país se llama también *vaca mariña*. Creen algunos que estos mamíferos marinos de mamas pectorales pueden ser los que hayan dado origen a las leyendas y decripciones de las sirenas del mar". O dicionario XERCG traduce *vaca mariña* por "vaca marina; manatí". En Portugal denominan *peixe-boi* ó manatí, *Manatus inunguis*, e *peixe-muller* á femia deste animal (DMA:86). Descoñecemos se algunha vez estiveron presentes nas nosas augas estes animais (presumiblemente, nunca) e como chegou este nome ó vocabulario galego. Trátase de mamíferos acuáticos, sobre todo mariños, pertencentes á orde dos sirénidos e dos que actualmente só existen dous xéneros: os manatís (que viven nas Antillas, Amazonas e no Senegal) e os dugóns (no océano Indico e Australia). Posúen, efectivamente, un par de mamas, no peito, polo que para lles dar de mamar ás crías, a femia levántase verticalmente na auga e sostén o fillo entre as aletas, como fai unha muller co fillo nos brazos. Co nome de *vaca marina* designouse tamén o *Hydroclamalis gigas*, un sirénido do Mar de Bering, descuberto en 1741 e extinguido en 1768, tras unha caza masiva. (ERG, XERCG).

13920 **vaca mariña 4** *s.comp.f.* Ver VACA 9 /13837. (Ares2, Cam5, DMA, Laxe2).

13921 **vaca mariña 5** *s.comp.f.* Ver VACA 7 /13835. (Burela2, Riba3).

13922 **a fror e a tona** *loc. s.* O máis selecto, o mellor do seu xénero. Aplícase a xente ou cousas. (ERG).

13923 **a que bebe o leite** *loc. s.* Cobra. Emilio Montero (EMC:161) sinala que o eufemismo remite ás crenzas populares das que falamos no capítulo 12. *Crenzas e calendario gandeiro* e coincide con nós na falta de base científica. Recólleo de Xesús Alonso Montero. (EMC).

13924 **bazo de *buey** *loc. s.* Ferro pardo compacto. Nas antigas ferrerías. (VGR).

13925 **boi da molida** *loc. s.* Gamela grande dedicada a carrexar area e pedra na ría. Esta denominación metafórica é sorprendente porque non está Ares en zona de xunguir á molida; aínda que é certo que os bois fan máis forza para o carrexo con este tipo de xugo do que cos outros: quizais este feito foi o que creou a metáfora. (Ares).

13926 **boi de posto 2** *loc. s.* Home que anda con moitas mulleres. *Ese dálle servizo a todas, é un boi de posto*. (Abelen.).

13927 **boi lucano** *loc. s.* Elefante. Denominación que os antigos romanos deron a este animal que coñeceron na Lucania na guerra contra Pirro. (ERG).

13928 **cara de leite asorado** *loc. s.* Ver CARA DE LEITE FERVIDO /13932. (DBP, SCHU).

13929 **cara de leite bebido** *loc. s.* A nosa fonte define como: "é o que chaman pan comido". Ignoramos se se aplica a asuntos fáciles de afrontar e resolver ('que teñen cara de...'). Se a palabra *cara* implica o concepto de persoa, aplicaríase a persoas de carácter dócil ou condescendente. (Parade.).

13930 **cara de leite callado** *loc. s.* [Persoa] esbrancuxada, pálida, escuálida, tétrica. Aínda que a tradición oral valora positivamente a xente non morena (indicio de vida libre dos duros traballos agrícolas) nesta loc. a brancura úsase como indicio de pouca saúde e, por iso, como aldraxe. *Anda tí, váite d'ahí,/ cara de leite callado/ que tès tan boa barriga/ que leva medio ferrado* (JPBII:91,2). (JPB, Parade.).

13931 **cara de leite coado** *loc. s.* Ver CARA DE LEITE FERVIDO /13932. Forma de aldraxe. (VLQ2:340).

13932 **cara de leite fervido** *loc. s.* Cara pálida, cadavérica. ERG recólleo en feminino: *cara*

de leite fervida. (CP, DBP, ERG, JPB, LimiaB, Parade.).

13933 **cara de leite mazado** *loc. s.* Persoa que ten cara de can, de poucos amigos, ou ben que está pálida. É aldraxe. (DBP, Drago., Parade., VLQ2:339, Xun2).

13934 **cara de leite tallado** *loc. s.* Ver CARA DE LEITE MAZADO /13933. *Ten vergonza, ten vergonza,/ cara de leite tallado*.... (Coto2).

13935 **cara de vaca vella** *loc. s.* Persoa que ten a expresión tristeira de quen viviu xa moitas experiencias amargas. Forma de apostrofar as persoas con estas características. *Arrempuxand'os demais/ ¡Oh cara de vaca bella!* [sic]*/ Saltou Antón o do Pazo/ Que ten o coiro de pedra/ E ten lambido mais paus/ Q'unha borrica famenta*. (AMR:135).

13936 **carne de feira** *loc. s.* Muller disposta a casar con quen sexa por diñeiro. *¡Non! Non, señor, non. Tódolos vellos cheiramos a morto. Todos damos noxo. -Pois eu sei dalgunha rapaza que se deixa rular por un vello. -Carne de feira, señor ¡Carne de feira! Tamén eu topéi lebres corridas e vellos confiados; pero este corazón pide fianza*. (CAS1: *Os vellos non deben de namorarse*, 471).

13937 **corazón de boi** *loc. s.* Variedade de repolo de ollo grande e preto. (Ram.).

13938 **cheiro de vacas mortas** *loc. s.* Cousa sumamente vil e desprezable. *Eisí mesmo. Se non tes crianza... adeprenderáchese.* [...] *Os probes... non somos fume de carozos nin cheiro de vacas mortas: ben se pode aturar a carón de nós; somos xentes como as outras*. (MVB:29).

13939 **gando da perna rachada** *loc. s.* Xente preguiceira. Coidamos que alude ó carácter tranquilo dos bovinos que son artiodáctilos (número par de dedos) biungulados, coma se o pé estivese fendido. A nosa fonte engade: "frase festiva moi significativa". Isto fai lembra-la denominación medieval de animais das "uñas fendudas" (CSM:31.66). *Pois creceu aquel bezerro / e foi almall'arrizado, / a ssa moller o vilão / diss': Irey cras a mercado; / mas este novelo non / yrá nas offereçudas / bestias que én offereçon / sson aos Santos rendudas. // Tanto, se Deus me perdon... Dizend'esto aa noyte, / outro dia o vilão / quis ir vende-lo almallo; / mas el sayu-lle de mão / e correndo de randon / foi a jornadas tendudas, / come sse con aguillon / o levassen de corrudas. // Tanto, se Deus me perdon... Pois foi en Santa Maria, / mostrou-sse por bestia sage: / meteu-sse na ssa eigreja / e parou-ss'ant'a omage; / e por aver ssa raçon / foi u as bestias metudas / eran, que ena maison / foran dadas ou vendudas. // Tant' se Deus me perdon... E des ali adeante / non ouv'y boi nen almallo / que tan ben tirar podesse / o carr'e soffrer traballo, / de quantas bestias y son / que an as unnas fendudas, / sen feri-lo de baston / nen d'aguillon a scondudas. // Tanto, se Deus me perdon...* (Fra.).

13940 **lingua de boi 1** *loc. s. Anchusa (Pentaglotis) sempervirens*, herba medicinal tamén chamada buglosa, de follas ovaladas e peludas. MVN escribe *léngua de boi*. A *buglosa*, nome que tamén recibe en castelán, é *pranta de moita folla, perenne, que chega ó metro. As follas son ovaladas, peludas. As infrolescencias levan pedúnculo longo, e unha bráctea na base de 2 cm., coma unha pequena folla. As froles levan cálice de cinco divisións, con corola de cinco lóbulos, que na parte de fora mostran cinco dentiños brancos (non se lles ven os estames). Frolece polo vran* (XRG:107-108). (ERG, FVG, MVN, XER, XRG).

13941 **lingua de boi 2** *loc. s. Phyllitis scolopendrium*, fento de grandes follas en forma de lingua, tamén chamado *lingua de cervo* ou *cervoa*. (FVG:024).

13942 **lingua de boi 3** *loc. s. Fistulina hepatica*, cogomelo que medra nos troncos das árbores. Semella en certo modo a lingua dunha vaca. Tamén recibe este nome en portugués. En castelán chámase *hígado de vaca*. (Bolo3, CF, Trives2, Vald6).

13943 **lingua de boi mouro** *loc. s.* Cogomelo, *Sarcodon imbricatum*, polas pequenas agullas decurrentes que posúe baixo o sombreiro. (Bolo3, Trives2, Vald6).

13944 **lingua de vaca 1** *loc. s.* Ver LINGUA DE BOI 1 /13940. (XER).

13945 **lingua de vaca 2** *loc. s. Plantago major*, herba de follas anchas en forma de rosetón, máis coñecida como *chantaxe maior* e *correola maior*. Leva este nome pola feitura das follas. Planta herbácea, perenne, con raiceiras fibrosas. As follas, en mouta ou rosetón, son ovaladas e de 10-15 cm. As espigas que forman as flores chegan a 10 cm. (FVG:100, XRG:124).

13946 **lingua de vaca 3** *loc. s.* Ver LINGUA DE BOI 3 /13942. (VCN:134).

13947 **lingua de vaca 4** *loc. s. Hidnum repandum*, cogomelo que presenta numerosas papilas na cara inferior do sombreiro. A outra especie do mesmo xénero, *Hidnum imbricatum*, danlle o nome de *lingua de vaca escura*. (CF).

13948 **ollo boi vidal** *loc. s.* Ver OLLO DE BOI VIDAL /13958. (MCRP).

13949 **ollo de boi 1** *loc. s.* Fiestra en forma de óculo dos camarotes dos barcos. Parade. di que tamén reciben este nome as bufarras, redondas e dunha soa peza, para dar luz ó fregadoiro, ou o burato redondo nunha lousa do tellado enriba da cociña, na parte máis alta e ó rente do cumio. (Común).

13950 **ollo de boi 2** *loc. s.* Cada un dos dous vaos da roda do carro cando son redondos. (Xun2).

13951 **ollo de boi 3** *loc. s.* Planta que medra nos prados áridos e secos e que se ten por narcótica. FVG identifícao cun crisantemo, *Chrysantemum coronarium*, da mesma familia cá macela ou a matricaria. A identificación que MVN fai desta planta coa "Manzanilla loca" daríanos, en cambio, o *Anacyclus clavatus* que en castelán se coñece como *"botoncillo"* ou *Anacyclus radiatus* que en castelán se coñece como *"hinojo morisco"*. (ERG, FVG, MVN).

13952 **ollo de boi 4** *loc. s.* 1. *Calendula arvensis*. 2. *Chrysantemum coronarium*. 3. *Coleostephus myconis*. (FVG:105-106).

13953 **ollo de boi 5** *loc. s.* Ollo saínte, exoftalmo, saltón, das persoas afectadas de proptose. Os ollos prominentes poden ser unha característica familiar pero tamén unha manifestación patolóxica. Os ollos protruentes deben recibir atención inmediata e a protrusión dun único ollo, maiormente nos nenos, é un sinal de probable hipertiroidismo (enfermidade de Graves). As persoas afectadas palpebrexan pouco e parece que os ollos están fixos. A protrusión nótase moito nas fotografías (coma as do permiso de conducir). (Com1, Este., XER).

13954 **ollo de boi do mar** *loc. s.* Ver OLLO DE BOI MARIÑO /13956. (ERG, MCRP).

13955 **ollo de boi mar** *loc. s.* Ver OLLO DE BOI MARIÑO /13956. (JMP, MCRP, MVN, Vive1).

13956 **ollo de boi mariño** *loc. s.* Opérculo redondeado dalgunhas buguinas, parecido, en pequeno, ó ollo do boi e que as protexe da desecación e dos depredadores. Trátase dunha formación calcárea, de forma ovalada ou de faba, coa que os moluscos gasterópodos pechan o opérculo. Presenta uns riscos máis ou menos evidentes, en espiral, que poden da-la imaxe dun ollo e se-la orixe destes nomes populares. En castelán chámase *ombligo marino* ou *ombligo de Venus*. Utilízase como amuleto contra o mal de ollo. Frai Martín Sarmiento describiuno así: "En Vivero se hallan muchos y se llama *ollo de boy mar*. Latín *umbilicus*. Oí que uno había visto en el Carril un bucino que tenía este ollo por tapa. Aldrovando en su *Museo Metalico*, libr. IV, pág. 800, pone 14 figuras, y allí una evidente. Supone ser *umbilicus* de Cicerón, libr. II *De Orat.* que dice que Lelio y Scipion cogían conchas *et umbilicus* junto a Gaeta y Lucrino; que de *umbilicus* se formó *belliculus*; que también se llama *faba marina*; que Aristóteles los llamó *cochleas* y que Gaza vertió *umbilicus*; que es cosa ósea y cosa de animal. Aldrovando, *De Testaceis*, libr. III, cap. 82, pág. de Francfort, 182, supone que *belliculi marini* o *bellericos*, en Silvático, son los *umbilicos* (en arábigo astor), y en Myrepsio, y *fabas marinas*. Renodeo, pág. 245 *de Materia Medica*, supone dos *umbilicos*: uno que es conchita entera *turbinata* de Rondelecio, y otro que es tapa de un bucino (y es el *ollo*) que ni es piedra ni gemma, aunque algunos les llaman gemmas marinas, que se venden en Francia. Parece que hay tres *umbilicos*: uno *turbinato*, y tengo muchos, otro es la *margaridiña gallega* o porcelana, para el ungüento de Myrepsio, y otro el *ollo mariño*. Konig, *De Regno Minerali Speciali*, pág. 270, trata de nuestros *umbilicos* u ojos, cita el texto de Cicerón, cita el Museo de Aldrovando, a Scheuzero y a Velsero, y dice que se llama también *umbilicus Veneris*, *oculus marinus* y *faba marina*. Colegio Curioso de Alemania, año III de la Decuria II, pág. 80, tabla 5.ª de Mentzelio, y está vivísima la pintura de el *umbilico marino* (o *ollo de boy*), que tengo, de uno y otro lado. Le hace especie de *onyx*; supone que la faz colorada es la interna y la externa la negra. Otros creen que es la *blatta byzantia* y especie de *unguis odorato*. Quémese un *ollo* y nótese si huele como el castoreo. Myrepsio pone el ungüento, p. mihi 256, y habla... por *umbilico* o *bellirico*, y creo son las margaridiñas. Anselmo Boot, pág. 352, pone los dichos ojos y el limáco marino que los tiene. Es en él, *umbilicus marinus = umbilicus Veneris: faba marina*, y en los cretenses: *oculus marinus*. Traído consigo amuleto, para la vista y erisipela, y puesto en la frente restaña cualquiera flujo de sangre" (CatálogoVF 1745-1755). (ERG, FMS, JMP, MCRP).

13957 **ollo de boi no mar** *loc. s.* Reflexo no mar quieto do circo solar vermello da posta do sol. (VLLM).

13958 **ollo de boi vidal** *loc. s.* Ver OLLO DE BOI MARIÑO /13956. Nótese que para Ríos Panisse, *boi vidal* é nome do crustáceo chamado comunmente *boi*, e non recolle tal nome para molusco ningún. Antón Santamarina di que procede do latín *vita*, vida, que Eladio Rodríguez interpreta como *vital*, "con mucha vida". (ERG, JMP, MCRP, MVN).

13959 **ollo de vaca** *loc. s.* Ver OLLO DE BOI 5 /13953. (Caa., Incio, XER).

13960 **ollos de boi de Belén** *loc. s.* Mirada triste e suplicante. *Dispois Pedriño enfiaba os ollos de boi de Belén na gorxa do compañeiro, co degoiro dun mendicante que olla unha comida de casamento, e decíalle moi untuoso: '¡Ben me podías deixar parte!'*. (CAS1: *Os dous de sempre*, 253).

13961 **os da corna** *loc. s.* Os naturais de Requeixo de Valverde (Allariz). (Alla.).

13962 **pan queixo** *loc. s.* Supoñemos que se trata da *Capsella bursa-pastoris* (en cast. *bolsa de pastor*) pero hai nomes semellantes *pan e queixo* e *pan e queixiño*. Sarmiento di que se lle dá este nome a moitas plantas. Identifícao coa *solda do monte* (*Potentilla erecta*) que dá flores que saben a mel pero tamén cun xeranio tuberoso ó que se lle comen as raíces (FMS:1233). MVN e FVG identifícano coa *herba dos dentes* (*Capsella bursa-pastoris*). Rodríguez Troncoso escribe o seguinte: *Cito as herbas e algúns froitos que os rapaces comiamos, excepcionalmente, cando andabamos polo campo: apóutegas, amoras das silveiras, soaxes... 'brougallóns' (bulbo ou tallo subterráneo 'coma unha ceboliña enterrada', con casca negra, que é branco ó pelalo. Localizábanse grazas a unha flor pequena sobre a superficie, con corola redonda de color branca (chamados tamén 'panqueixos'). Contoume unha velliña que -alá polo comezo do século XX - no tempo dos nosos avós, cando un rapaz lle pedía pan á nai, ela ás veces dicíalle 'Se tes fame vai ós brougallóns'* (Cañiza3:101). En Castela danlle o nome de *pan y quesillo* á *bolsa de pastor* pero tamén ás flores comestibles das acacias. Véxase o poema *Os primachorros* de Uxío Novoneyra no capítulo 16.1. (Cañiza3,Cou4).

13963 **pata de boi** *loc. s.* Planta herbácea, que bota un canavelo grande e ten raíz bulbosa en forma de mazaroca alongada. Ver PÉ DE BOI 2 /13964. (Cab., Nove.).

13964 **pé de boi 2** *loc. s. Oenanthe crocata*, planta umbelífera de flores brancas e cunha raíz tuberosa que deita un zume velenoso. Recibe este nome pola similitude que se lle quere ver ós seus tubérculos co pezuño dun boi. Tamén se denomina *nabo do diaño* polo seu carácter velenoso. ERG: "Pie de buey, planta umbelífera de tallo ramoso y flores blancas, que es muy común en algunos prados, y cuya raíz encierra un jugo azafranado venenoso. Florece de Junio a Julio". XRG(87): "*Oenante crocata*: Pranta perenne, rexa, con tubérculos coma ós do nabo, que deitan un zume amarelo. Os talos, ramallentos, pasan do metro. [...] E pranta moi venenosa, aínda despois de seca". ARR(277): "*Oenanthe croccata*: O cheiro e o sabor agradable desta planta, moi parecido ó do apio e perexil, fai que se inxira con facilidade en ensaladas ou potaxes sen sospeitar que se está inxerindo un veleno violento e de acción rápida. Provoca tamén intoxicacións no gando". MVN(435): "Pè de boi: (*Oenanthe crocata*). Pié de Buey, Nabo del diablo; planta de flores blancas, tallo ramoso asurcado y raiz vivaz con tubérculos oblongos, sentados en hacecillo. Pertenece á la familia de las umbelíferas de Jussieu, es muy comun en algunos prados y su raíz encierra un jugo azafranado venenosísimo. Florece de junio á julio". (ARR, ERG, MVN, XRG).

13965 **poeira de gado** *loc. s.* Barullo de abellas arredor do cortizo que se forma ó medio día e á raxeira do sol para enxamiar e abelloarse. (Parade.).

13966 **taciña de *manteica** *loc. s.* Sexo da muller. *Cando por pedirche un bico/ xa te pos desa maneira,/ ¡qué farás si che pedira/ a taciña de manteica!*. (XAB3:45).

13967 **trigo de vaca** *loc. s.* Certo tipo de herba. Valladares, Cuveiro e Filgueira (1926) identifícano co *Melampyrum nemorosum*. JCP descríbeo como planta anual da subfamilia rinantoidea, de talo erguido, ramoso, follas opostas, as superiores acorazonado-lanceoladas, dentadas, purpúreo-azuladas, as inferiores conformes ou lineares-lanceoladas, espigas interrumpidas, ladeadas. Na antiga Grecia, o *Melampyron* era un trigo negro, unha herba mala que medraba entre o trigo. Pero a descripción de Cuveiro non permite pensar nunha gramínea nin nada parecido. En FVG:98 dise que esa identificación é dubidosa e engade que, aínda que Merino di que a atopou en 1906, en 1914 rectificou e clasificou as mostras como *Melampyron pratense*. (JCP, MVN).

13968 **vaca branca** *loc. s.* Sal. *É verdá que ten vaca branca, que así chaman eles á sal*. O sal, antes escaso e monopolizado por certos portos ou familias, pero sempre indispensable, era un ben cobizado e signo de riqueza, tanto coma o gando. (TerP:35).

13969 **vaca esfolada** *loc. s.* Nube de aspecto algodonoso. (Mez.).

13970 **vaca loura** *loc. s.* Ver VACALOURA 1 /13840. (Ibias1).

13971 **vaca marela 2** *loc. s.* Invertebrado mariño que tal vez sexa a pulga do mar (*Ligia oceanica*). A nosa fonte recolle este nome nunha lista

xeral de invertebrados mariños, e ela mesma suxire esta posible identificación. (Gro8).

13972 **vaca mona** *loc. s.* Cangrexo mariño común (*Carcinus maenas*). (Sada).

13973 **vaca sagrada** *loc. s.* Persoa que pola súa relevancia social, política, cultural ou económica goza de tal inmunidade que resulta moi difícil criticar publicamente algún dos seus actos. (Común).

13975 **vacas fracas** *loc. s.* Período de crise económica. A locución é de orixe bíblica. No libro da Xénese (41) cóntase que o Faraón soñou con sete vacas gordas e que despois apareceron vindo do río outras sete vacas fracas que empezaron a pacer onde estaban as outras e as fracas acabaron devorándoas. Xosé interpretoulle o soño dicindo que anunciaba sete anos de fame e aconselloulle acumular reservas de alimentos suficientes para eses anos difíciles. (Común).

13976 **vacas gordas** *loc. s.* Período de bonanza económica, no que hai que acumular reservas para o tempo das *vacas fracas*. Ver VACAS FRACAS /13975. (Común).

13977 **vaquiña veira** *loc. s. Coccinella septempunctata*, pequeno insecto coleóptero máis coñecido como adiviñón, xoaniña etc. Supoñemos que o adxectivo *veira* procede do latín *varia*, aludindo a diversidade de cores dos élitros e por iso mantémo-la grafía con uve. (TCha).

13978 ***buei mouru** *loc. s.* Vacaloura. (Ibias2).

13979 **abecerrado** *adx.* [Pan, doce] mal fermentado, que ten *becerra*. (Pentes1).

13980 **bosteiro 5** *adx. fig.* [Home] malfalado, ineducado, que usa palabras malsoantes. (Cang).

13981 **cangado** *adx.* Amuado, que anda coa cabeza baixa. (JMP).

13981b **cansavacas** *adx.* [Persoa] extremadamente calmosa e preguiceira. As vacas teñen moita paciencia e parsimonia; de xeito que un cansavacas é unha persoa tranquila, calmosa e preguiceira en grao superlativo. (CLam3).

13982 **cornecho 1** *adx.* [Cousa] que ten forma de corno. (Com1).

13983 **cornelán** *adx.* Ver CORNUDO 1 /13984. *O cura dun lugar rifou unha vez cun home casado, i entre as cousas que lle dixo chamoulle cornelán*. (Gud5, LP2).

13984 **cornudo 1** *adx.* [Home] ó que a súa muller lle é infiel. Gud5 lematiza como *ser cornudo*. En Portugal chámano *boi*, *cabrao*, *cervo*, *gamo*, todas elas denominación de animais cornudos (DMA:210). (Com1, Dum., Gro1, Gud5).

13985 **cornudo 2** *adx.* Protestón, rabudo, rencoroso. (Gro1).

13986 **encornado 2** *adx.* [Persoa] moi incomodada. *O cura recebeuno de punta. Seique lle avisaran a visita do señor bispo i estaba encornado* (CAS1: *Os dous de sempre*, 264). (CAS1, ERG).

13987 **entourado** *adx.* Endurecido. Dise tamén dos peitos das mulleres paridas, porque se lles poñen inchados e duros. (Ced., ERG, Sob.).

13988 **escornada 4** *adx.* [Muller] solteira que xa tivo relacións sexuais. LT2 recólleo como locución: *estar escornada* (unha muller) e explícao no sentido bíblico: "dise dunha muller que xa coñeceu home". (ERG, LT2, ZM).

13989 **leiteiro** *adx.* Afortunado. A nosa fonte defíneo como "afortunado, chiripero". O leite máis dunha vez se asocia coa boa sorte. (JMP).

13990 **manteigueiro 2** *adx.* [Home] maulón, preguiceiro, efeminado. A manteiga dáselle ó enfermo ou delicado, de aí que sexa pexorativo nun home san. (Fra., ZM).

13991 **manteigueiro 3** *adx.* [Home] contemporizador, que quere quedar sempre ben con todos para saírse ó final coa súa. Por veces se completa como *zorro manteigueiro*. JMP defíneo como "zorro, redomado". Sarmiento utilizou esta palabra nas súas 1200 coplas: *Cantos maloutans, / cantos talegueiros, / cantos polainudos, /e mais manteigueiros* (FMS5:130,736). (ERG, JMP, ZM).

13992 **muxido 2** *adx.* [Home] explotado, asoballado. *Traballando a cotio com'a besta,/ Por gobernos ruins espelexado,/ De caciques muxido, y-estruxado/ Pol'o mouro ousureiro que di empresta;/ Com'o burro que carga e non portesta,/ Com'o boi que turrando vai do arado,/ Eisi tí, vas levando, ¡meu coitado!/ A cruz âs costas sen erguel'a testa*. (XSR:47).

13993 **tenreiro 2** *adx.* Tenro, recente, fresco. Como tal, *vaca tenreira* é a vaca parida de pouco. (Alence, Xun2).

13994 **tourona 2** *adx.* [Castaña] máis grande e redonda cá normal e que ten a tona máis escura. (Mez1, Mez3).

13995 **tourondo 2** *adx.* Impetuoso, violento. *¡Que tourondo vén o aire!*. (Piquín).

13996 **vacaceiro** *adx.* Preguiceiro. Os dicionarios de Rodríguez, Cuveiro, Porto, DRAG, Carré, Ibáñez e Franco escriben con be esta palabra. ERG escríbeo con be e con uve. Fole tamén escribe *bacaceiro*: *Agora deulle polo amore. Eu coidaba que isas cousas eran dos señoritos. Bacaceiro! Criamos unha cóbrega e non un home de proveito. Relas e vacorelos che se meteron nos miolos* (Cou3:69-70). Valladares defíneo como "el que se echa á la larga como las vacas en el pasto, prefiriendo la holgazanería á trabajar para comer". (Cou3, ERG, MVN).

13997 **vacacento** *adx.* Lento. (AIA).

13998 **vacalloeiro** *adx.* [Persoa] desidiosa, indolente. (LCA2).

13999 **vacallona** *adx.* [Muller] preguiceira. (ERG).

14000 **boi coma un palleiro** *loc. adx.* [Boi] grande e robusto. Forma de relativiza-lo tamaño xa grande do animal. [...] *xoven de vintecatro anos que xa sirvira ó rei, e inda probe, non lle faltaban na súa casa vinte ferrados de sembradura a cada mau, dous bois como dous palleiros, catro vacas e os demais aditamentos pra un labrego*. (XdM:63).

14001 **branco coma o leite** *loc. adx.* Extremadamente branco. Aplícase a persoas ou cousas para enfatiza-la súa color abrancazada. Aplicado a persoas, no mundo rural tradicional resulta un piropo, pola rareza, xa que o traballo ó ventimperio fai que tódalas persoas teñan a pel amorenada e nese ambiente a pel branca é indicio doutro tipo de traballo baixo teito, mellor pagado e, polo tanto, socialmente máis valorado. Así aparece normalmente nas cantigas populares. Pero nestoutra cantiga parece te-lo sentido contrario: *Eres branca como o leite,/ colorada como o trigo;/ se te non levan de noite/ de día non tes perigo* (LimiaB:75). Cou3 escribe: *De outra* [fonte], *unha iauga branca como a leite, que debe ter calcio*, onde se pode apreciar un uso simplemente descritivo. ERG tamén recolle o seu uso aplicado ás persoas albinas. LT2 recólleo en feminino, o que parece indica-lo seu uso aplicado só ás mulleres como, de feito, acontece en tódalas cantigas que coñecemos. (Cou3, DBP, ERG, LT2, LimiaB, VLQ2:341).

14002 **branco coma un queixo** *loc. adx.* Pálido, non moreno. -*Este verán non fun nada á praia. Estou branca coma un queixo* (NegraG2).

14003 **brando coma a manteiga** *loc. adx.* 1. Moi brando. 2. [Persoa] débil, que resiste pouco. 3. [Persoa] amable e paciente. LF escribe *com'a manteiga*. GB1 aplícao ó corazón, é dicir, ó carácter: *Si eu, sempre dixen, señora águia, que vostede era unha boa persona, que tiña un curazón mais grande que o d'un boi e mais brando que a manteiga. Vostede si que es caridosa, considerada y filantrópeca* (GB1:68-69). (ERG, GB1, Goá, LF).

14004 **bruto coma un arado** *loc. adx.* Moi bruto. (LT2).

14005 **bruto coma un arado de ferro** *loc. adx.* Ver BRUTO COMA UN ARADO /14004. (LT2).

14006 **co coiro lordento coma os bois na corte no inverno** *loc. adx.* Moi sucio. Os bois pasan o inverno nas cortes e están cheos de cagallas. (LT2, VLLM).

14007 **coma manteiga en fociño de can** *loc. adx.* Valioso de máis para quen ou non o sabe apreciar ou non o merece. ACC di que, en portugués, *manteiga em focinho de cão* equivale a *não é o mel para a boca do asno*. (Mora5).

14008 **coma manteiga no fuciño do gato** *loc. adx.* Imposible de conseguir ou de recuperar; de moi escasa duración. O gato, relambendo os fociños, non deixa a manteiga nos beizos nin un segundo. Úsase tamén a var. *coma quen busca a manteiga no fuciño do gato* co significado de pretender un imposible. (Mora6, Porr1).

14009 **coma un boi** *loc. adx.* Grande. *Na casa do sancristán, co gallo das axudas do crego, facíase unha mata de tres porcos coma tres bois*. (LP2).

14010 **coma un teto de carne** *loc. adx.* Avultado. *E díxomo tremendo de anguria. A face albeira, e os ollos coma dous tetos de carne vermella de tanto chorar*. (CAS1: *Retrincos*, 231).

14011 **como unha vaca no teatro** *loc. adx.* Desconcertado, descolocado, fóra de lugar. *Pregúntolle de que padece e sóltame eso, que padece 'esjurxipamento', e deixoume como unha vaca nun teatro. [...] Xamáis tiña oído tal verba e desexaba saír da iñorancia*. (MRP:25).

14012 **corazón máis grande có dun boi** *loc. adx.* [Persoa] moi bondadosa e xenerosa. Úsase *boi* como termo de comparación para dar idea de tamaño grande. *Si eu, sempre dixen, señora águia, que vostede era unha boa persona, que tiña un curazón mais grande que o d'un boi e mais brando que a manteiga. Vostede si que es caridosa, considerada y filantrópeca*. (GB1:69).

14013 **explotado coma un boi** *loc. adx.* Sometido a traballos continuos, monótonos e con escaso ou nulo proveito económico. *Malia o día que conquireu o 'dereito ó traballo' para trocarse de home ceibe en escravo do fisco i en azacán dos 'burgueses' que lle levaban relós de ouro para compoñer! Cando Rañolas se veu esplotado coma un boi, os noxos da vida doéronlle máis que nunca. Decatouse do erro cometido e a desventura foino pechando dentro de si mesmo*. (CAS1: *Os dous de sempre*, 409).

14014 **feo coma un corno** *loc. adx.* Moi feo. (Marín3).

14015 **forte coma un boi** *loc. adx.* Moi forte. *Un mozallón algo acañado pero forte coma un boi*. (MCN).

14016 **grande coma un xato** *loc. adx.* Moi grande. *A cancela da horta estaba entreaberta. Por alí saíu un can ladrando, grande coma un xato. Era 'Lobeiro', o meu gran amigo, o can de palleiro do meu tío*. (Cou3:119).

14017 **grande como un cuxo** *loc. adx.* Moi grande. *Unhos vinte pasos antes de chegare, atopéime cun condanado can, grande como un cuxo, o que deitado ao ancho da aceira entretíase en roer un oso*. (RiCa:211).

14018 **grande e forte coma un touro** *loc. adx.* Robusto. *Pero co carteirazo que lle dei a aquel can grande e forte coma un touro, despidéuseme a carteira e quedei só coa asa na man*. (MRP:60).

14019 **groso cal un boi** *loc. adx.* Máis gordo do que é habitual. *[...] o Domingo de corredoiro do ano pasado, ús cantos amigos fixemos mentres de lle xogar unha mala partida á isa boa peza que sabe pra oito, e convidámol-o a unha boa larpadela n'a bodega do Alcalde: dito e feito, matamos unha gata grosa cal un boi (e ben que tardou en morrer a condergada). Cocemos duas dúceas de longanizas, guisou a gata o millor que soubo o Xilete, metéuse todo n'un gueipo e ¡nagocio feito!, fúmonos á bodega, cantando copras e atruxando mais dereitos que fios*. (An2:138).

14020 **listo coma as cudelas** *loc. adx.* Parvo. As cudelas son as bólas de bosta que lle quedan as vacas pegadas ó pelo. (ILG).

14021 **máis feo ca un corno** *loc. adx.* Feísimo. (Mos).

14022 **máis forzudo que un boi** *loc. adx.* De moitísima forza. (ERG).

14023 **máis mol cá manteiga** *loc. adx.* Ver BRANDO COMA A MANTEIGA /14003. (Fri2).

14024 **máis patelo que plastemada de vaca** *loc. adx.* Chato, plano, que non é convexo. *Plastemada* é bosteira, segundo Llópiz. (VLLM:1, 1658).

14025 **máis puxante que un touro de Fecha** *loc. adx.* Con carácter de touro bravo. A nosa fonte escribe *mais pujante que un touro de Fecha*. San Xoán de Fecha é parroquia do concello de Santiago. Co gallo das festas do Apóstolo de 1813, organizouse unha corrida de touros na campa de Santa Susana, para a que se acordou que se trouxesen os animais "de los que puedan hayarse en los montes de Fecha, y aun se encarguen, si fuese posible, algunos de los de Cabrera en la provincia de León" (PPC:311). Llópiz di "tienen fama de bravitos los toros de esta localidad". (Al).

14026 **máis torto que un corno** *loc. adx.* Moi torto. (VLLM:1, 421).

14027 **mol coma a tona do leite** *loc. adx.* Brando e suave. Aplícase a persoas, de carácter suave e comprensivo, ou cousas. *Moliño coma a tona do leite*. (ERG).

14028 **mol como a manteiga** *loc. adx.* Ver BRANDO COMA A MANTEIGA /14003. (LCA4:182).

14029 **ruín coma a nacida** *loc. adx.* Extremadamente malo, ruín. Chaman *nacida* e *nacidas* ó carbuncho das vacas ou ó escaravello que disque o causa. (Fons.).

14030 **vertoleiro como boi torto** *loc. adx.* Caprichoso, que ten antollos. (VLLM:1, 852).

14031 ***peinado como lambido pola vaca** *loc. adx.* Peiteado usando substancias que deixen o pelo apegado e brillante. (Gro5).

14032 **abecerrarse** *v.* Ver EMBECERRAR /14043. (Xun2).

14033 **acurrular 2** *v.* Facerlle [a alguén] a vida imposible. (Arcos).

14034 **achedar 2** *v.* Axudar [ós demais]. Ver DAR CHEDA 2 /14151, BOTAR UNHA CHEDA /14117 etc. (LimiaB, XLF4).

14035 **aleitarse** *v.* Abrancazarse [a última augardente que sae da alquitara], xa non aproveitable por falta de graos de alcohol. (Parade.).

14036 **arar 2** *v.* Escribir. No barallete. Ramón e Fernández-Oxea dános tamén esta serie de palabras derivadas: *arada*: carta; *arador*: carteiro, escribinte, escritor; *aradora*: pluma de escribir, carta, carteira. Noriega e Rielo Carballo recollen o uso nas adiviñas da expresión *cinco bois* para denomina-los dedos da man suxeitando o *arado*, que representa a pluma. (Morei.).

14037 **atourarse** *v.* Incomodarse ou perde-los nervios [unha persoa]. *"¡Non te atoures, que non é para tanto!"* (Car4, Cede2., NegraG2).

14038 **axugar 4** *v.* Atar [as viñas] ó podar. Ver XUGO 10 /13851. (Marín1).

14039 **axugar 5** *v.* Ir acordes [dúas persoas]. (ERG).

14040 **cangar 2** *v.* Arredrarse, ter medo de algo ou de alguén. *O home iba moi valente, pero logo cangóu; co medo do lobo, cangóuse*. (ERQ1:45).

14041 **conxunguir** *v. Ú. t. c. prnl.* Unir, xuntar, compaxinar. *Non hai quen conxunga esta xente. Os gastos conxúnguense no bolsillo*. (Xun2).

14042 **cornear 2** *v.* Pecha-la rede facendo o cerco. (Laxe).

14043 **embecerrar** *v.* Formar ou ter becerra [o pan ou un bolo do forno]. Saír con becerra [o pan do forno]. Ver BECERRA 2 /13741. (Ctel2).

14044 **encambonar 2** *v.* Rivas Quintas defíneo como "Obligarlo a carabina, obligarlo a algo. *Queríanme encambonar*". En sentido recto, *encambonar* significa poñe-la segunda xugada a un carro. (Irixo).

14045 **encangar 2** *v.* Encomendar [a alguén] unha tarefa molesta. *Xa me encangaron outra vez. Encangouse con tanto traballo*. (Drago.).

14046 **encornar 2** *v.* Enfadar, incomodar, poñer [a un] de mal humor. (ERG).

14047 **encornarse 2** *v.* Incomodarse [unha persoa que berra con outra]. (ERG).

14048 **entourarse 2** *v.* Endurecerse, incharse [os peitos da muller] tralo parto. (ERG).

14049 **escornarse 2** *v.* Insistir infrutuosamente, teimar para que funcione algo sen conseguilo, coma tal, un programa informático. (Gro5).

14050 **escornarse 3** *v.* Enemistarse, rompe-las relacións amistosas [dúas ou máis persoas]. (ERG, Gud5).

14051 **pastearse** *v.* Coidarse ben, comer en abundancia. "*Iste pastéase ben*, se trata bien, a cuerpo de rey". (Xun2).

14052 **remoer 2** *v.* Comer varios pratos sucesivos ata fartarse. *Chegou o día esperado e o intre de sentarse na mesa e xantar. Pedriño foi enchendo o bandullo, con tento, reservando cabida para os mellores manxares, e dispois de cinco horas de remoer sen acougo, deuse por vencido no derradeiro prato*. (CAS1: *Os dous de sempre*, 300).

14053 **ruminar 2** *v.* Considerar con madurez [unha cousa]. Xa no latín tiña este verbo o senso de "repensar un asunto". (ERG).

14054 **ruminar 3** *v.* Rezongar, refunfuñar. (ERG).

14055 **xunguir 2** *v.* Unir, vencellar. *Unha vez a tía Ádega e o sobriño foron invitados a un casamento aldeán. Xunguíanse dúas casas labregas de moita riqueza e a lupanda tiña que ser sonada* (CAS1: *Os dous de sempre*, 299). *O fillo de Rosendo xungueuse a unha muller vella, gorda e rica, porque diante de si non aviscaba máis que o pan da esclavitude* (CAS1: *Cousas*, 165). (CAS1).

14056 **xunguir 3** *v.* Someter, asoballar. *Mansiño e bo, e feito ás reverenzas... unha fera en aución si perde a calma, e a sencillés dun neno nas creenzas mais íntimas da ialma. Proban das mans a forza isas almeias qu'espallaron no chan nosos avós, e a sencillés do esprito istas cadeias qu'hemos de crebar nós. Enfuciñamos ós tiráns, trunfamos, e cal pobo de bois feito ás cangallas deixámo-nos xunguir por novos amos, as novas cabezallas. Imitemos ós nobres irmandiños que souperon romper a escravitude non dos outros irmáns, apocadiños, a servil mansuetude. ¿O que fixeron nosos pais, non hemos de podé-lo facer como varóns? ¿é que d'homes cumpridos soilo temos unhos rotos calzóns?* (PR:42). (PR, XER).

14057 **abrir en canal** *loc. v. hiperb.* Agredir [a alguén] con arma branca. Úsase tamén como ameaza: *¡Voute abrir en canal!*. *¡Quen poidera facerlle comer aquel revólver de mango de nacra! ¡Quen poidera ollalo morto, aberto en canal e pendurado!* (CAS1: *Retrincos*, 220) (Común).

14058 **aburrir a unha vaca** *loc. v.* Importunar [outras persoas] constantemente. (Ferr6).

14059 **acabarse as vacas gordas** *loc. v.* Entrar nun tempo de crise económica. O faraón (Xén. 41, 1-4) soñou que sete vacas fracas comeron as gordas. Ver VACAS GORDAS /13976. (Cela2).

14060 **acomoda-lo gando** *loc. v.* Realiza-los últimos traballos do día, normalmente os referidos á atención das persoas. A nosa fonte defíneo así: "Dise metaforicamente cando hai traballo que facer". Úsase preferentemente de forma metafórica referido a face-la cea e deita-los meniños ou calquera outro traballo da última hora da noite referido a persoas. (Ctel2, LT2).

14061 **agarrar o boi polos cornos** *loc. v.* Afrontar directamente o fondo dun problema, a súa parte máis difícil e comprometida. A nosa fonte define como "solventar un problema". (Gud5).

14062 **anda-lo carro diante dos bois** *loc. v.* Estar alterada a orde lóxica e natural dun proceso, facendo antes o que se debía facer despois. *Coisa absolutamente impossível, que nunca pode suceder: [...] assim 'anda o demo às avesas' e 'o carro diante dos bois'* (DMA:254). (DMA, Mora6).

14063 **anda-lo lobo ós fatos** *loc. v.* Curiosear, andar osmando. (VLLM:1, 911).

14064 **anda-los cartos ó boi** *loc. v.* Non haber cartos. Cando a vaca anda ó boi non serve para nada (nin dá leite nin se pode pór ó carro). (Grixó).

14065 **anda-los cartos ó xato** *loc. v.* Non ser nunca bastantes os cartos, ser sempre escasos. (Fons1).

14066 **andar a dúas mans** *loc. v.* Traballar moito, arreo. (LT2).

14067 **andar a paso de boi** *loc. v.* Andar a modo, con moito vagar, sen apurarse. *Dígolle a vostedes qu'o adianto do sigro vai en ferro-carril, e non no ferro-carril gallego, que camiña á paso de boi* (An1:136). (An1, DMA, ERG).

14068 **andar ás dúas mans, coma a vaca do pobre** *loc. v.* Ver TRABALLAR COMO A VACA DO POBRE, ÁS DÚAS MANS /14405. *Os que están no paro andan ás dúas mans, coma a vaca do pobre*, porque a súa situación de precariedade non lles permite escoller. (Carte.).

14069 **andar ás talladas de queixo** *loc. v.* Comer de gorra. (LT2).

14070 **andar atourado** *loc. v.* Estar ou poñerse [unha persoa] de mal humor, nerviosa ou histérica. Tamén combina co verbo *poñer*. *Deixou de fumar e anda atourado*. (Car4, Ferr.).

14071 **andar cangado** *loc. v.* Ficar humillado. (LT2).

14072 **andar coa canga abaixada** *loc. v.* Ver ANDAR COA CANGA BAIXA /14073. (LT2).

14073 **andar coa canga baixa** *loc. v.* 1. Andar coa cabeza baixa ou inclinada. *Sempre pasa coa canga baixa e abstraído a pensar nas súas cousas* (Cachaf.). 2. Andar pensativo, abrumado

polos problemas, triste, avergoñado. *Anda coa canga baixa coma decote nos últimos tempos* (Cachaf.). Metáfora derivada do efecto do xugo de canga nas vacas ou da canga que se lle pon a porcos e cans. Coa canga baixa van os bovinos cando o peso é moito. Para Pintos, *canga* "se toma también como toda la cabeza y así se dice *anda co a canga baixa*, con la cabeza baja como un cerdo y alude a la mala intención". *Botemos man da etnografía. Canga é unha parte rebaixada do xugo pola que pasa o pescozo do animal, entre as cangallas. Tamén é unha cras de pexa que se lle pon ás vacas, cabalos, etc. Consiste nunha cincha que se lle amarra no pescozo, na que vai pendurando un pao horizontal, a certa altura, que lle estorba as patas de diante. Así non lle é doado fuxir, pois non pode brincar por riba dos valos. Definición retranqueira popular da persoa que de cote vese coa cabeza baixa, fosca e calada. Tamén daquela que á zorra quer pasar por parva, con carís desconfiado e malicioso* (Forc4:19). (ERG, Cachaf., Forc4, JMP, LT2, Porr2, ZM).

14074 **andar coa mosca no ubre** *loc. v.* Desconfiar, sospeitar de todo. (ANV1, LT2).

14075 **andar coa solta a rastro** *loc. v.* Vivir en promiscuidade unha muller. A nosa fonte escribe *andar ca solta a rastro* e define como "Muller que se dá ós homes". Ver PERDE-LA SOLTA /14278. (Pentes1).

14076 **andar coas vacas 2** *loc. v.* Andar despistado, pensando nos biosbardos. (LT2).

14077 **andar coma o rabo da vaca no mes de agosto** *loc. v.* Estar inquieto, moverse sen descanso. (Ctel1).

14078 **andar coma os bois** *loc. v.* Andar escravizado, sometido a duros traballos. Reunimos neste mesmo rexistro as diferentes formas que utilizan as nosas fontes: *andar coma os bois* (Cela2), *andar com'os bois* (ANV1:11), *andar como os bois* (LT2), *andar como bois* (LCA4:178). (ANV1, Cela2, LCA4, LT2, Porr2).

14079 **andar coma os bois no monte** *loc. v.* Andar en coiros. ANV1: "*Andar com'os bois no monte*: Omninó [sic] nudus". *Omnino nudus* significa "completamente espido". LT2 escribe *Andar como os bois no monte*. (ANV1, LT2).

14080 **andar coma un boi cando vai á mea** *loc. v.* Andar en parella. Comparti-lo esforzo con outra persoa para conseguir un obxectivo. (Ctel1).

14081 **andar como andan as vacas** *loc. v.* Vivir coa única preocupación de buscar alimento. *Doime que a xente ande polo mundo como andan as vacas e os burros: percurando sômentes pesebre*. (XNV:100).

14082 **andar de corte en cortello** *loc. v.* Andar dun lado para outro. (LT2).

14083 **andar dereito coma unha aguillada** *loc. v.* Ser esvelto. (LT2).

14084 **andar en pés de manteiga** *loc. v.* Proceder con moito secreto e sixilo. (ANV1, LT2).

14085 **andar envolto no esterco** *loc. v.* Ser un escravo. (LT2).

14086 **andar escornados** *loc. v.* Estar enemistadas [dúas persoas], non falarse. *Hai tempo que non os vía xuntos, parece que andaban escornaos*. (Pnovo2).

14087 **andar espido coma unha vaca** *loc. v.* Ter pouca roupa ou necesitar máis. (Antas4).

14087b **andar na fura de diante** *loc. v.* Ir cheo de fachenda. Ver IR NA FURA DE DIANTE /14212. (XLRG).

14088 **andar no último burato da chavella** *loc. v.* Estar nunha difícil situación económica. Cfr. IR NA FURA DE DIANTE /14212. (LT2).

14089 **andar no último furado da chavella** *loc. v.* Ver ANDAR NO ÚLTIMO BURATO DA CHAVELLA /14088. (LT2).

14090 **andar ó boi 2** *loc. v.* Estar namorado un mozo dunha moza e con ansia de casar canto antes. *En Vilaguillulfe -e en todas as veigas de Viana polo menos- chamábaselles canabuchos ou canavuchos ás espigas de millo que non ían ao hórreo, xa por seren moi pequenas ou por seren deformes. Como este millo non servía para fariña, os canavuchos xa non se esfollaban e gardábanse nun sitio seco para seren utilizados todo o ano. Utilizábanse como complemento alimenticio para o gando e na miña casa dábanselles sobre todo aos bois cando tiñan moito traballo. Acordo que meu pai, que andaba cos petos cheos deles, dicíalle ao Heladio do Ermida -que tamén tiña bois e que tiraban pouco- que eran mellor medicina os canavuchos que o aguillón, do que el abusaba bastante. E tamén lembro que .. resulta que un tal Vanghelino do Coche, tiña un fillo no Seminario. Por certo, nunca souben que foi dun nin doutro, eu non os cheguei a coñecer. E tindo un fillo no Seminario, cando o rapaz tería 14 ou 15 anos, namorouse dunha do Tacón, que eu non me acordo como se chamaba, e díxolle ao pai que quería plantar do Seminario e "roubarse" coa moza e embarcar para Buenos Aires. Ao Vanghelino non lle chistou moito o asunto porque pensaba que o fillo viviría mellor de cura que casado coa do Tacón. Para ver de lle quitar o vezo do corpo, o Vanghelino acordou levar con el ao rapaz ás casas onde ía traballar. Chamábano moito para as casas do Pelcho e do Penete, que era home serio, e traballador... aínda que algo farrista. Parece*

ser que o Vanghelino cargaba ao fillo cuns feixes de herba verde grandísimos..... e á miña tía Estrella do Penete, que era coñecida en toda a redondeza por ser unha muller moi farta e moi boa cos criados aquelo dos feixes tan grandes non lle pareceu ben e así llo dixo ao Vanghelino. A resposta deste foi: "Fágolle esto, señora Estrella, porque coido que, aplicándolle distes canavuchos, non lle ha dar para andar tan pronto ao boi. (Carte2).

14091 **andar ó do boi e a vaca** *loc. v.* Practicar xogos eróticos [un rapaz e unha rapaza], que pode ir desde tocarse ou espirse ata o final. "Los niños hacíamos lo posible por colocarnos cerca de alguna niña, cuando jugábamos juntos, para tocarla o para mirarle las piernas. Un niño y una niña podían ir juntos a un pajar sin que nadie se diera cuenta y *andaban ó do boi e a vaca*: se tocaban, podían desnudarse y, alguna vez, iban hasta el final; en estos mismos lugares los niños podían *sacarse o leite* (masturbarse) los unos a los otros". (MMC2:246).

14092 **andar ó rabo** *loc. v.* Andar sempre detrás [dalguén], como a súa sombra, seguilo sempre. Úsase tamén no sentido de imitar, obedecer. (Salc2).

14093 **andar solta como vaca sen choca** *loc. v.* Gozar de plena liberdade e de ausencia de control alleo. Posiblemente naza a loc. do feito de que unha vaca coa choca está controlada ou localizable polo pastor, mentres que sen choca é máis doado que fuxa e que a extravíen. (Riba.).

14094 **andar tocando a choca 2** *loc. v.* Andar levando contos dun sitio para outro. Dise a semellanza da vaca que algarea por non ter qué pacer. LT2 defíneo simplemente como "falar de máis". (Ctel1, LT2, ZM).

14095 **apampar coma vaca do Treixo** *loc. v.* Pasmar, quedar admirado, atónito ou *pampo* ante algún suceso sen manifestar reacción inmediata. A acción compárase coa aparente inexpresividade dunha vaca, aínda que, neste caso, alude a unha vaca concreta, probable protagonista dun relato oral perdido. Non sendo *Treixo* nome de lugar nin apelido de persoa, supoñemos que é alcume do dono da vaca. (Riba1:152).

14096 **aparella-la cachapa antes de merca-la vaca** *loc. v.* Facer preparativos para algo que aínda non é seguro que vaia suceder. De aí que figuradamente se diga que se prepara a *cachapa* -o caldeiro de muxir- antes de ter vaca. (VLLM).

14097 **apreta-la cádiga** *loc. v.* Meter [a alguén] en apuros. *Cádiga* é un dos nomes das piallas ou apeares. A nosa fonte recolle *¡Apretáballe a cádiga!* (PRIVAS).

14098 **aprovecer como o leite fervendo** *loc. v.* Medrar, crecer, progresar. Posiblemente teña como sentido figurado "medrar nos negocios", pero Llópiz non o explica. Acevedo (1932) engade que *aprovecer* "Ús. por los viejos de la montaña del Navia al Eo y en gall.". (VLLM:1, 112).

14099 **armala con queixo** *loc. v.* Enganar [a alguén], coma ós ratos a rateira. (LT2).

14100 **asa-la manteiga na punta dun guizo** *loc. v.* Facer un disparate, realizar unha acción absurda e incoherente. López Taboada defíneo realmente como "mesturar o bo e o malo" aínda que nos parece máis verosímil a explicación que damos. Véxase comentario a *Asa-la manteiga* en 6.5.4. (LT2).

14101 **asa-la manteiga nun chuzo** *loc. v.* Ver ASA-LA MANTEIGA NA PUNTA DUN GUIZO /14100. *Espetar manteiga nun espicho corno, por pór un caso, un anaco de carne, para poñela a asar enriba do lume, e un fai-que-fas sen senso nin utilidade, pois esborrélase axiña. Dise que alguén é como o que asou a manteiga nun chuzo cando fai unha grande parvada, ou, simplemente, que é tonto. Por semellanza, aquel que fai as cousas mal feitas, ou con procedementos que non son os axeitados, con resultas desastrosas*. Véxase comentario a *Asa-la manteiga* en 6.5.4. (Forc4:28).

14102 **atoparlle o teto á vaca** *loc. v.* Dar co aspecto máis produtivo e proveitoso de calquera negocio. Corresponde co cast. *encontrar el filón*. (LT2, XERCG).

14102b **baixarlle o leite se lle dan lambuxada** *loc. v.* Deixarse subornar; actuar de forma máis compracente como resultado da adulación ou dun premio. A vaca, cando lle dan herba tenra e fresca, dá máis e mellor leite. A *lambuxada* é un pastel, algo moi gorentoso de comer. (CLam3).

14103 **bebelas como o boi a auga** *loc. v.* Non darse por aludido. A nosa fonte escribe: *bebelas como o boi a iauga*. Probablemente alude á rapidez con que os bovinos beben grandes tragos. *Bebelas* ten aquí o sentido metafórico de soportar sen inmutarse canto outros din, pero quizais tamén sen aceptalo interiormente; acomodarse externamente ó que outros din, sen alterarse por molesto que sexa, coma se non falasen con un. (MLP:408).

14104 **beber coma as vacas na carrada** *loc. v.* Beber moito. (LT2, Rioc.).

14104b **beber como vaca sedente** *loc. v.* Beber cantidades moi grandes de líquido. *Disque era de moita mantencia, comía por oito que*

comesen ben e de cárcabo, bebía coma vaca sedente, se viño, pola xarra; e, se auga, polo caldeiro (XBC:22).

14105 **beber coma un boi** *loc. v.* Beber moito. (LT2, Mora6).

14106 **berrar coma becerros** *loc. v.* Cantar mal, a berros. *Dous mozos daquel lugar/ fixeron dous estrumentos,/ que a tocalos coas maus/ berraban como becerros*. (XAB3:26).

14107 **bota-la lingua a pacer** *loc. v.* Falar sen medita-las palabras, revelar cousas que debían seguir secretas. *Ti bóta-la lingua a pacer e ¡listo!: ti non as pensas ben*. LT2 defíneo simplemente como "poñerse a palicar". Forc4 di que equivale ó cast. "irse de la lengua". *Outro retrouso moi empregado, e tamén de orixe campesía. O mesmo que se lle abren as portas ó gando cando se quer que saia a peniscar nos prados, tamén o trapelo llas abre á lingua para que saia a dici-lo que non debe, maiormente segredos* (Forc4:32). (Común).

14108 **bota-la lingua a pastar** *loc. v.* Ver BOTA-LA LINGUA A PACER /14107. Pentes1 define como "Falar de máis. Non gardar segredo". (MCN, Pentes1).

14109 **bota-la pirola a pacer** *loc. v. vulg.* Mexar. (Agrón).

14110 **bota-lo carro ante os bois** *loc. v.* Aparentar ter unha riqueza que non se ten. (Antas4).

14111 **bota-lo carro antes cás vacas** *loc. v.* Ver BOTA-LO CARRO ANTES CÓS BOIS /14112. (Ourense2, VS3).

14112 **bota-lo carro antes cós bois** *loc. v.* Precipitarse, facer antes de tempo o que cómpre facer despois, inverti-la orde normal das cousas. (Mos1, Porr2).

14113 **bota-lo carro antes dos bois** *loc. v.* Ver BOTA-LO CARRO ANTES CÓS BOIS /14112. (Salc2).

14114 **bota-lo carro diante dos bois** *loc. v.* Ver BOTA-LO CARRO ANTES CÓS BOIS /14112. *A máis pura lóxica dinos que os bois teñen que ir diante do carro par turrar por el custa arriba, ou termar del costa abaixo. Tentar de facelo doutra maneira vai contra toda lei. Por eso bota o carro diante dos bois calquera que queira compor algo desafiando toda orde e bo facer, e esborrifa de mala maneira os proxectos. Tamén se di do que avía con demasiada présa as tarefas, a estruca contra as consecuencias*. (Forc4:30).

14115 **bota-lo loro 2** *loc. v.* Descargar [noutra persoa] o traballo que un debería facer, aproveitarse [dun compañeiro de traballo]. *Botarlle o loro a alguén*. Valladares escribe *bota-l-o loro* e engade que se aplica tamén ás persoas, cando se fai por cargar máis a quen non se nega ou presenta mellor disposición. Merza defíneo como "desentenderse da parte máis incómoda do traballo, cargándolla a outra persoa". (Merza, MVN).

14116 **botar a canga** *loc. v.* Ver POÑE-LO XUGO 2 /14286. (Grixó).

14117 **botar unha cheda** *loc. v.* Ver DAR CHEDA 2 /14151. (ERG).

14118 **botar unha xata** *loc. v.* Remata-la sementeira ou a colleita antes que ninguén. A nosa fonte escribe *botar unha jata*. (Piquín).

14119 **botarlle as contas ós pelos dun xato** *loc. v.* Ser persoa moi intelixente. [Farruco d'a Costa] *Non sabía ler nin escribir, pro via nacel-as herbas e botáballe as contas ôs pelos d'un xato*. (Mondo4:67).

14120 **botarlle leite á cousa** *loc. v.* Facer máis soportable algo que nos resulta desagradable. *Bótalle leite á cousa*. (Salc1).

14121 **botarlle sopas ó leite 2** *loc. v.* Mellorar de saúde. (LT2).

14122 **brear coma quen brea nun boi** *loc. v.* Golpear [en alguén] sen dó e repetidamente. *Agarráronme e brearon en min coma quen brea nun boi e por enriba ainda me trougueron* [preso] *para aquí*. (VD:409).

14123 **bruar / bufar que nin un touro bravo** *loc. v.* Fungar con ira. *Ao recibir Vasco Gómez a tal noticia puxose na luna, e dou en bruar e en bufar que nin un touro bravo. Xa toda a xente do Castro das Seixas podía ver como andaba no aire, pra dar cumprimento, e moi exauto comprimento, a tóda-las súas órdees. A nube de mandados e avisos que aquel día saleu daquela casa non é pra dita*. (ALF3:153).

14124 **buscarlle a corte ó boi vello** *loc. v.* Pretender ensinarlle algo a quen sabe, por experiencia, máis ca nós. (LT2).

14125 **caer coma a sopa no leite** *loc. v.* Chegar alguén ou acontecer algo inesperado pero moi oportunamente, a tempo. (Grixó).

14126 **caer sempre de pé como as touriñas** *loc. v.* Ter sorte nalgún negocio ou saír con ben de calquera situación de risco. LT2 recolle esta locución dun xeito máis abreviado: *caer de pé*. A touriña, por outros nomes *tourón* e *rabisaco* sería o furón bravo (*Mustela putorius*). (VLLM).

14127 **caga-lo boi diante** *loc. v.* Acontecerlle [a alguén] unha contrariedade, saír mal as cousas, ó revés ou non como un as pensara. Con todo iso debe lembrarse que a defecación dun animal, por inesperada, tense en certos casos por indicio de inminencia de acontecementos positivos: existe o refrán *merda de can, cartos na man*, que quere indicar que atopa-lo excremento dun can diante da casa ou mesmo pisalo, traerá sorte (en Caritel mesmo se exclama: *¡Diñeiro fresco!*). (Mos1).

14128 **caga-lo boi na botella /nun sesto** *loc. v.* 1. Ver CAGA-LO BOI DIANTE /14127. 2. Acontecer algo casual

e inesperado. A var. *nun sesto* por (cesto) é de Miñor3. (Miñor3, Mora6, Mos1).

14129 **caír ó rego** *loc. v.* Suceder [unha cousa] no momento máis oportuno. (ERG).

14130 **canta-lo carro cando fala** [alguén] *loc. v.* Non facerlle caso [a alguén] cando fala. (Salc2).

14131 **cantar coma un carro vello** *loc. v.* Cantar mal. (Antas4, Carte.).

14132 **carga-lo carro** *loc. v.* 1. Beber de máis. 2. Deixar preñada unha muller. (LT2).

14133 **cargar o carro** [a alguén] *loc. v.* Ser especialmente severo con alguén. A nosa fonte define como "Excederse en algo". *Non lle cargues tanto o carro ó teu fillo, que aínda é moi pequeno*. (Gud5).

14134 **cavilar máis ca un becerro encortellado** *loc. v.* Pensar, discurrir moito. *Fulano cavila mais ca un becerro encortellado*. (Sarre.).

14135 **coidar que os bois voan** *loc. v.* Esixirlle a alguén cousas imposibles ou ser un parvo que di ou cre disparates. (Mos1, VLLM:1, 1634).

14136 **coller becerra** *loc. v.* Ver EMBECERRAR /14043. (Burón, XER).

14137 **comer boa xabreia** *loc. v.* Ser rico. *Xabreia* é chacina. (LP).

14138 **comer coma unha vaca** *loc. v.* Comer moito. (Goá).

14139 **comer por unha perna** *loc. v.* Arruinar [a alguén]. Dise dos animais que comen moito e dan pouco beneficio. Aplícase tamén á xente. (Porr2).

14140 **comer un boi ferrado** *loc. v.* Inxerir unha grande cantidade de alimentos. Véxase a cantiga *Temos que comer*... (Lama2).

14141 **comprar** [algo] **a centos na feira** *loc. v.* Non valer nada [algo] por abundar moito. (LT2).

14142 **contar con leite e a vaca na feira** *loc. v.* Botar contas antes de tempo, facer proxectos sen dispoñer dos medios para levalos a cabo. A locución resume o coñecido conto da leiteira. (Carte.).

14143 **coñece-la manxadoira** *loc. v.* Asistir con frecuencia a onde dan de comer. (LT2, ZM).

14144 **correr coma se fora un boi detrás** *loc. v.* Correr moito, como fuxindo dun grave perigo. (Deza).

14145 **chamar cornelán** *loc. v.* Chamarlle [a alguén] cornudo, dicirlle que a súa muller lle é infiel. *O cura dun lugar rifou unha vez cun home casado, i entre as cousas que lle dixo chamoulle cornelán*. (LP2).

14146 **cheirar a corno queimado** *loc. v.* Desconfiar de algo, producirlle [algo que se anuncia] mala impresión [a alguén]. (VLLM:1, 1614).

14147 **chora-la morte da becerra** *loc. v.* Chorar moito, como por unha gran perda, pero sen que a verdadeira causa teña maior importancia. *Non a deixaron ir á romería e chorou a morte da becerra*. O noso informante en Agrón dá *estar chorando a morte da becerra*, co significado de "estar chingando sen motivo. Lamentarse inxustificadamente por unha cousa sen importancia, coma se fose a morte dunha becerra para un paisano de pouco gando". En Carb-L2: *Hai quen sempre está chorando a morte da becerra*. (Agrón, Antas4, Carb-L2).

14148 **dar a medias 2** *loc. v.* Ser rica [unha persoa], ata o punto de permitirse que as súas propiedades as traballen outros. *Ese xa dá vacas a medias, que lle tocou a lotería*. (Coles).

14149 **dar ás cornalleiras** *loc. v.* Ver DAR ÁS CORNEIRAS /14150. (AO).

14150 **dar ás corneiras** *loc. v.* 1. Move-la cabeza dun lado a outro, como as vacas, lamentándose dun contratempo. 2. Protestar, refungar. *Andivécheme rogando/ y-agora das âs corneiras.../ Probe de quen bote contas/ c'o que n-o peto non teña*. (MLP3:199).

14151 **dar cheda 2** *loc. v.* Axudar [a alguén] nunha empresa difícil, cooperar nun traballo común. Eladio Rodríguez amplía o significado recto de puxar polo carro: "Ayudar a uno en alguna empresa difícil" (ERG:dar); "Dar facilidades a uno para que consiga aquello que desea; dar pretexto o motivo para que una persona persista en el propósito que había concebido" (ERG:cheda). (ERG, LT2).

14152 **dar leite polos cornos 2** *loc. v.* Dar moito leite [unha vaca]. O uso é, neste caso, irónico. En VMedo: *A vaca da veciña dá mais leite ca miña; e... herba nin vela, e leite polos cornos*. (Tioira2, VMedo.).

14153 **dar moito leite [unha vaca]** *loc. v.* Refacer moitas veces un traballo de xeito que dea diñeiro reiteradamente á persoa ou empresa a quen llo encargan. *Xesús Ferro Batallán, un carpinteiro morañés, que Deus levou* [...] *fixo un dos seus derradeiros traballos como carpinteiro na que hoxe é Facultade de Xeografía e Historia en Santiago. Tres anos despois de se xubilar, pasaba comigo por diante dela e dixo '¡Para aí, para aí!' Nunha aula, que el coñecía táboa por táboa, volvía a haber obras de reforma e pola parede baixaba un tubo que deitaba os cascallos nun camión. Deulle á cabeza e comentou coa boca pequena: '¡Esta vaca moito leite dá!'*. (XFR4:13).

14154 **dar pouco leite** [a alguén] *loc. v.* Ser tacaño. *Ise pouco leite lle vai dar ós sobriños*. Rivas Quintas localízao na Gudiña. (ERQ3).

14155 **dar unha cheda** *loc. v.* Ver DAR CHEDA 2 /14151. *Dálle unha cheda á túa filla, muller, para*

que lle chegue á ventana e mire o que hai aí dentro. (Ctel1).

14156 **dar vacas a medias** *loc. v.* Estar a falar en corro varias persoas. (Gud5).

14157 **darlle o mesmo** [a alguén] **leite que caldo de tetas** *loc. v.* Resultarlle indiferente [a alguén] a alternativa entre dúas opcións que lle resultan moi parecidas. (VS4:Tuiriz).

14158 **debulla-la manteiga** *loc. v.* Sacarlle os cartos [a alguén], aproveitarse [de alguén]. (Grixó).

14159 **deita-la marela** *loc. v.* Aliarse [con alguén] contra outra persoa, apoiarse en alguén para prexudicar outra persoa. *O pai deita a marela co fillo en contra da nai*. (Ánxe).

14160 **deixar** [(a) alguén] **solo nos cornos do touro** *loc. v.* Abandonalo cando aparecen os problemas. *¿E logo por que non se fai iso? ¿Por que non escomenza vosté primeiro a dar exempro? - Iso é, home, a mesma taravela de todos, pra dempois deixar a un solo n'os cornos do Touro*. (TMP 1877,52,207).

14161 **deixar ara-lo gando** *loc. v.* Deixar que corra o tempo. Ver tamén ¡DEIXA ANDA-LO CARRO! /14464. (LT2).

14162 **deixar come-lo cu por non espanta-las moscas co rabo** *loc. v.* Deixarse dominar pola preguiza. A nosa fonte define como "Ser vago". (Pentes1).

14163 **derreterse como a manteiga** *loc. v.* Abrandarse ante as adulacións doutra persoa. (Grixó).

14164 **derreterse como o gato polo leite** *loc. v.* Estar moi namorado [de alguén]. *Derreterse por un como o gato polo leite*. (Ferr5).

14165 **desteta-los becerros dun ano** *loc. v.* Pasarse de listo. (Viana4).

14166 **devecer coma gato pola manteiga** *loc. v.* Consumirse de desexo ou ansia [por algo]. (Drago.).

14167 **endereitarse o carro** *loc. v.* Solucionarse un asunto que estaba detido ou mal encamiñado. Tomar un asunto un cariz favorable para nós. (ERG, LT2).

14168 **entornarse o carro** [a alguén] *loc. v.* Dar a luz a muller [de alguén]. *Aínda casaron hai seis meses e xa se lles entornou o carro*. Téñase en conta que, en sentido recto, *entorna-lo carro* é dar volta, envorcar, logo esta expresión non semella ningunha felicitación, máis ben o anuncio de novos traballos, de máis complicacións. (LT2).

14169 **entra-lo maio** *loc. v.* Andar canso [unha persoa]. A loc. deriva de que o mes de maio é o mes de maior traballo para os bovinos. (VLQ).

14170 **envorca-la canada** *loc. v.* Estar de mal xenio. Alude á vaca indócil que, ó muxila, patea e envorca a canada do leite. (Ferr).

14171 **enxuga-las campás** *loc. v.* Poñe-lo cepo ou xugo dunha campá. (Parade.).

14172 **escornarse contra a parede** *loc. v.* Gastar inutilmente esforzos en algo que resulta imposible conseguir. (LT2).

14173 **esta-lo demo chamando as vacas** [a alguén] *loc. v.* Pasarlle [a alguén] varias desgrazas seguidas. *Esa rapaza acaba de ter un accidente co coche e agora enriba está saíndo con ese rapaz tan pouco asisado. Nin que o demo lle estivese chamando as vacas.* (Cachaf.).

14174 **estar ben lambido** *loc. v.* Estar ben alimentado. *¡Está ben lambido!* (PRIVAS).

14175 **estar bo o tempo pra come-lo gando** *loc. v.* A nosa fonte non o explica pero supoñemos que significa estar tempo de chuvia, ben porque nace herba para que despois se alimente o gando, ben porque non podendo traballar hai que acabar comendo o propio gando. (VD).

14176 **estar coidando na morte do xato** *loc. v.* Estar despistado, distraído. (Ferr5).

14177 **estar como se non o lambera ben a vaca** *loc. v.* A nosa fonte utiliza esta expresión para describir a unha persoa de cor morena e de mal pelo. (MLP:407).

14178 **estar como unha vaca** *loc. v.* Estar moi gordo. O adxectivo está elíptico, pola evidencia de que entre nós a vaca é o animal máis voluminoso. (Salc1).

14179 **estar de apoxo** *loc. v.* Ter moita présa sen motivo. A vaca que está de apoxo vai deitando o leite pola corte. (Ctel1).

14180 **estar de cansavacas** *loc. v.* Ter preguiza. (LT2).

14181 **estar de corno** *loc. v.* Ver ESTAR ESCORNADO /14184. *Os mozos dabaixo, os que estaban de corno cos darriba, foran tamén á feira* (GB2:250). (GB2, Xun2).

14182 **estar de formigos 2** *loc. v.* Te-la muller parida. Lémbrese *estar de formigos 1* (7.6.1. *A vaca acabada de parir*), que se di da vaca parida de pouco. (ERG).

14183 **estar de mamotes 2** *loc. v.* Ser aínda moi nova [unha mociña]. Dise por semellanza coas becerras que aínda non cambiaron os dentes de leite. (Cato.).

14184 **estar escornado** *loc. v.* Estar enemistado [con alguén]. Dise que *está escornado* o que está permanentemente incomodado ou que non fala con alguén. (ERG, ZM).

14185 **estar espido coma unha vaca** *loc. v.* Ver ANDAR ESPIDO COMA UNHA VACA /14087. (Antas4).

14186 **estar feito de manteiga** *loc. v.* Ser débil, sen resistencia. *¡Está feito de manteiga!* (PRIVAS).

14187 **estar gorda coma unha vaca** *loc. v.* Ver ESTAR COMO UNHA VACA /14178. (Antas4).

14188 **estar mancornado** *loc. v.* Ver ESTAR ESCORNADO /14184. *Dixéronme que estábades mancornados*. (Gro5).

14189 **estar pensando na morte da becerra** *loc. v.* Estar absorto, despistado, nos biosbardos; non prestar atención ó que rodea a un. (Común).

14190 **estar picado da mosca** *loc. v.* Estar moi incomodado. (ERG).

14191 **estar touronda 2** *loc. v.* Estar moi madura [unha castaña], producindo queimuras ó comela, debido a que estivo moito tempo na curriza (desde xaneiro) e xa grilou e reverdeceu. (Piquín).

14192 **facer bo xugo** *loc. v.* Conxeniar [dúas persoas]. (LT2, Sob1).

14193 **facer boa feira 2** *loc. v.* Facer un bo trato na feira ou, por extensión, en calquera negocio. *Xan e Farruco eran dous compadres, que si non tiñan vacas a medias, levábanse ben d'abondo pra viviren como d'a familia. [...] Cando facían boa feira, atracábanse de pulpo, viño e pantrigo hastra enchérense* (An8:3). (An8, ERG, LT2).

14194 **facer feira 2** *loc. v.* Conxeniar, entenderse ben [con outra persoa]. *Pro co que facía millor a feira o Quiñolas era co Cachazas. Un i outro eran máis ben irmaos que compañeiros, e nin o un nin o outro tiñan xamáis cousa que non se contaran*. (GB2:221).

14195 **facer mala feira** *loc. v.* Non facer negocio, vender barato ou mercar caro. (ERG).

14196 **facer un pan coma queixo** *loc. v.* Facer un pan mol e gorentoso, que parece queixo. *Fai un pan coma queixo.* (CLam3).

14196b **facer un pan coma un queixo** *loc. v.* Conxeniar [dúas ou máis persoas de características parecidas (en sentido negativo, especialmente se é para faceren trasnadas)]. *Eses dous fan un pan coma queixo.* (Cachaf.).

14197 **facer unha vacada** *loc. v.* Facer algo mal [unha persoa], facer unha barbaridade. (Amandi).

14198 **facer(lle) tanto coma o burro á vaca** *loc. v.* Ser [algo] pouco eficaz ou non dar o resultado esperado. (Tioira2).

14199 **falar do xato e esquece-lo trato 2** *loc. v.* Estenderse en cuestións secundarias esquecendo a principal. Tamén, cambiar de tema. Equivale ó cast. *salirse por peteneras* (XERCG:256), *andarse por las ramas* (XERCG:608) ou *salirse por la tangente* (XERCG:696). Forc4, ademais de utilizalo no sentido recto, dálle tamén a seguinte acepción: *... aplícase o dito ó que foxe da ocasión de parolar de algo que non lle convén. Tamén se di cando algúen prometeu e non cumpliu* (Forc4:21). (Forc4, LT2, XERCG).

14200 **falar español como unha vaca galega** *loc. v.* Falar mal o portugués un galego, por non diferencia-lo be do uve (bilabial de labiodental) crendo, en cambio, que se está a falar ben. A locución non é galega senón mirandesa. *A propósito da expressão 'falar francés como uma vaca espanhola', com o sentido de "falar mal" e "de calinada", informou-me o senhor Artur Carlos Alves que na sua região, isto é, no concelho de Miranda do Douro, distrito de Bragança, empregam em vez daquela, esta 'falar espanhol como uma vaca galega', referindo à pessoa que julga falar bem o português, mas troca as letras, como por exemplo dizer 'baca' e 'voi', em vez de 'vaca' e 'boi'. Mais me elucida que, embora a terra de Miranda do Douro não tenha fronteira com a Galiza, o mirandês compreende bem o galego, alem de falar o seu dialecto, o português e o espanhol, e para ele o galego é o símbolo da tolice e da asneira, e atribui-se àquela gente, aos galegos, as seguintes quadras que aprendera há tantos e tantos anos. 'Quando vi a mulher morta,/ O esquife à porta,/ E a testa fria/ Logo disse que morria./ Quando vi a vaca esfolada/ E a pele estendida na figueira,/ Logo dise: meu amor,/ a vaca não faz a sementeira'. O que não pensamos dos Galegos, pensam eles de nós*. En Portugal, dunha persoa á quen non se entende din que *fala francês como uma vaca espanhola* (DMA:232). O autor engade que "talvez *vaca* esteja por *basco*". Os franceses din: *Je parle le français comme un basque*, *Il parle le français comme une vache espagnole* (ACC:I,II,68-69). Unha pescuda de última hora (2009) realizada entre informantes de certa idade e universitarios de Coimbra e de Lisboa deu como resultado que hoxe só é coñecida pero non usada a versión *falar francês como uma vaca espanhola* e que a teñen como unha locución importada e erudita (Gry) (ACC, Gry, JMA).

14201 **falar para a feira** *loc. v.* Falar sen sentido. Ver FALAS DE FEIRA /13889. (LT2).

14202 **fuxir do tenreiro e caer no regueiro** *loc. v.* Empeorar, fuxir dun perigo e caer noutro peor. (VLLM:1, 902).

14203 **guinda-lo xugo** *loc. v.* Liberarse dunha opresión. (LT2).

14204 **ir á corte** *loc. v.* Defecar. (LT2).

14205 **ir á corte e matalas todas** *loc. v.* Estragar algo, facer algo que implica a ruína definitiva dunha iniciativa ou dunha realidade. Consumilo todo. MVN defíneo como negarse (unha persoa) a traballar ou esixir (a alguén) máis do que pode facer. Mel2: *â corte*; MVN2: *mata-l-as*. MVN7 explica así esta locución: "*Ir â corte è mata-l-as todas*: Ir á la cuadra y matarlas

todas (cabras, si ovejas se sobreentiende generalmente). Este modismo tiene diferentes aplicaciones, pues suele usarse, ya cuando una persona, que puede trabajar, o hacer algo, nada quiere hacer; ya cuando se exije á otra mas de lo que realmente puede, ó permite su posición social; ya, en fin, cuando muchas atenciones se aglomeran, se hace lo que se puede y hay empeño por álguien, sin embargo, en que ninguna quede sin concluir" (MVN7:120). *¡Probe don Gaudencio; mais lle valera ir á Córte* [sic] *á matalas todas que meterse en nagocios de casamonto!* (fragmento dunha nota na que se comenta unha sentencia de nulidade de matrimonio por 'empedemento dirimente' (An4:6). *Dis que lle van botar por soparado contribución à ganadería. A esto chámaselle ir â corte e matalas todas. O gando apenas val n-as feiras e vèn o Goberno a rematar a perda. Como decote* (An12:7). LT2: "*Ir á corte e matalas todas*: xeralmente pondera o colmo do malo, mais en B [*A tecedeira de Bonaval* de Antonio López Ferreiro] pondera o colmo do bo" (LT2:134). "*Ir á corte a matalos todos*: ser máis doado do que parecía" (LT2:106). *Si ques máis vai á corte e mátaas todas: si quieres más, llévalo todo* (MLP:404). *Para as festas vou convidar a cinco amigos a durmir á casa. -Si, home! Entón aínda é mellor ir á corte a matalas todas.* | *-Teño que ter coidado co coche que é do meu pai, non sexa que me pase algo. -Dígocho eu! Entón aínda é mellor ir á corte e matalas todas* (Cachaf). (An4, An12, Cachaf., ERG, LT2, Mel2, MLP, Morei., MVN2, ZM).

14206 **ir a paso de boi** *loc. v.* Ver ANDAR A PASO DE BOI /14067. A nosa fonte escribe *ir a passo de boi*. (DMA).

14207 **ir a tranco de boi** *loc. v.* Camiñar lentamente. Citado por Llópiz 1,1085. (Bergan.).

14208 **ir coas vacas 2** *loc. v.* Andar despistado. (LT2).

14209 **ir cos da feira e vir cos do mercado** *loc. v.* Ser voluble, darlle a razón a uns e mais ós outros, cambiar facilmente de parecer. Recollemos nunha única entrada as diferentes formas que dan os nosos informantes: *vai cos da feira e volve cos do mercado* (ERG), *vai c'os da feira e vén c'os d'o mercado* (MVN2:102), *vai cos da feira e ven cos do mercado* (GEG:feira), *vai cos da feira e vén cos do mercado* (ZM:244, Carte.), *vai cós da feira e volve cós do mercado* (XMSH:39). Para LT2 tamén significa andar de troula. *Se queres saber quen son, saim'a aquela encrucillada, e verás, que no correr, nin os coellos me ganan; eu cant'as miñas penas que son moi fondas, qu'os pesares máis negros nunca se choran; os meus cabeliños brancos non son folepas de neve, son a cinsa do volcán qu'os teus olliños alcenden; mociña dos ollos negros e do cabelo encrespado, 'nunca vaias cos da feira s'has volver cos do mercado'; xunguir un boi cunha ovella cousa de tolos será: vello que casa con moza ¿en que xuncras pensará? Cand'eu morra non choredes os que me queirades ben; chorade mentres que vivo, qu'aínda non descansei. Teña en conta, señor cura, pra botarm'a ausolución, que Dios manda que teñamos sempr'ós próximos amor* (FDM:194). (Común).

14210 **ir cos pés de manteiga** *loc. v.* Andarse con coidado, tomando tódalas precaucións. (VLLM).

14211 **ir de recadén** *loc. v.* Quedar atrás, ir máis retrasado có resto. (LT2, Queixa).

14212 **ir na fura de diante** *loc. v.* 1. Ir moi elegante. 2. Ir con vantaxe. 3. Irlle [a un] ben as cousas. Cfr. ANDAR NO ÚLTIMO BURATO DA CHAVELLA /14088. 4. Estar bébedo. Esta locución está bastante estendida co valor primeiro de ir "moi elegante". A explicación máis verosímil é a que nos deu Ovidio Franco Marzabal en Perros (Calvor, Sarria), casa materna do P. Sarmiento: a cabezalla do carro ten dúas furas; cando se pon a chavella que engancha o xugo na fura traseira, as vacas van coa cabeza baixa e sufrindo; mentres que, cando se pon na fura de diante, van coa cabeza levantada e camiñan con máis elegancia e garbo. De aí pasa por metáfora á maneira de camiñar dos seres humanos. *Atopei este dito con dous sentidos distintos. Os dous significados proceden do emprego do carro tradicional de vacas. O primeiro dinos que alguén vai na fura de diante cando está garrido, magán; normalmente de garabata, no caso dos homes. O carro ten dúas furas na cabezalla ou timón. A de diante é para mete-la chavella cando a carga é moita ou vai dianteira. Aquí atopámo-la correspondencia por asimilación entre a chavella e maila garabata, pois, retranqueiramente chámaselle a esta chavella, quizá por deformación do barbarismo 'chalina'. A outra acepción fálanos de cando alguén vai bébedo, e anda a trompicóns cara adiante. Nótese a metáfora, pois o borracho, como o carro, vai 'cargado' ou leva a 'carga' mal terceada. Dise tamén do chufón, aguirrado e botado para diante* (Forc4:18). (Calvor, Forc4, LT2).

14213 **ir na fura dianteira** *loc. v.* Ben vestido, elegante; cheo de orgullo, querendo destacar, se-lo protagonista, de primeiro, diante. Úsase con verbos como andar, estar e ir. *O meu veciño*

hoxe á mañá ía na fura dianteira, debía ir a algún acto importante. (Cachaf.).

14214 **ir polo rego** *loc. v.* Obedecer. Ver tamén NON IRLLE AS VACAS POLO REGO /14248b. (LT2).

14215 **irse quedando como un esquilón** *loc. v.* Mirrar. (ZM).

14216 **lambe-la becerra** *loc. v.* 1. Estar [alguén] moi peiteado. 2. Estar rematado o traballo de perfeccionamento [dunha persoa]. Algunha vez temos oído esta expresión co valor de "estar rematado o traballo de perfeccionar a alguén", aludindo a que as vacas, tralo parto, lamben os becerros. *Inda non te lambeu a becerra* (Grixó). (Grixó, Pont6).

14217 **lambe-la vaca marela** *loc. v.* Amañarse moito [alguén] e ir moi peiteadiño e co pelo mollado. *¡Lambeute a vaca marela!*. Piropo. (Goá, PRIVAS).

14218 **lambe-la vaca teixa** *loc. v.* Ver LAMBE-LA VACA MARELA /14217. (Ferr1).

14219 **leva-lo loro** *loc. v.* Cargar coa parte máis pesada dun traballo a facer entre varios. *¡Levache o loro!* (ZM). (Grixó, ZM).

14220 **levar á cangalleira** *loc. v.* Levar [un pau] atravesado nos ombreiros, coma se fose un xugo, colléndoo por cada un dos extremos. (LT2).

14221 **levarse coma o pan e o leite** *loc. v.* Entenderse perfectamente [dúas persoas], levarse ben. Reunimos nun mesmo rexistro as diferentes formas que utilizan as nosas fontes: *levarse coma o pan y o leite* ("estar a partir un piñón") (LCA4:182), *levámonos coma o pan i o leite* (ZM:127), *levámonos com'o pan i-o leite* ("estamos a partir un piñón") (ANV1:36). (ANV1, LCA4, ZM).

14222 **mamalo no leite** *loc. v.* Ter rasgos de carácter semellantes ós dos proxenitores. Úsase referido tanto a animais domésticos coma á xente. *A becerra é brava porque o mamou no leite, a nai xa era brava tamén*. (Ctel10, Salc2).

14223 **manteigar coa ozquia do fuso** *loc. v.* Ser pouco xeneroso. MLP traduce así esta locución: "¡Eres bien tacaño!". A *ozquia* ou *osquia* é a fenda que ten o fuso na súa parte máis fina onde se introduce o fío; e *manteigar* é, segundo Acevedo, botarlle manteiga ós guisos. Resulta evidente que a cantidade que se pode botar con semellante utensilio será ben cativa. (MLP:407).

14224 **marchar co rabo dereito 2** *loc. v.* Camiñar unha persoa con decisión por estar irritada. Tamén se utiliza cos verbos *andar* e *fuxir*. *Adoitan comportarse así os animais cando están inquedos, nervosos ou agresivos; moi particularmente o vacún e mailo cabalar, exemplo que non estraña no mundo rural, polo seu maior achegamento ó labrego galego. Cando se di socobadamente das persoas, é cando alguén vai ou ven lizgairo, con espallafato e decisión, ás veces por mal xenio ou incomodo*. (Forc4:27).

14225 **mata-la sapa** *loc. v.* Cumprir un capricho, xeralmente gastronómico, que un desexa ansiosamente. Ver SAPAS /8112. *Son as sapas uns sarabullos que lle saen ás vacas na boca, e dise que é por culpa de que se degoran por unha comida que están a ver e non poden acadar. Por iso, cando falamos de persoas, mata-la sapa vén ser mata-lo antollo; comer, beber ou mesmo facer algo que decote non é doado, por economía, saúde, etc.* (Forc4:46).

14226 **medrar coma a escuma no leite** *loc. v.* Enriquecerse, progresar economicamente co propio traballo. *Medrou coma a escuma no leite*. (Ctel4).

14227 **medrar coma o leite no lume** *loc. v.* Ver MEDRAR COMA A ESCUMA NO LEITE /14226. Lugrís Freire recolle esta locución na súa *Gramática* (LF:114). O propio Lugrís, co pseudónimo *Asieumedre*, utilizou esta locución nun conto titulado "Con polaina e media". A cita di así: *O Cazolo deixara, en boas moedas de prata, mais de doce mil reás, cantidade que foi medrando coma o leite no lume ó ire a noticia de viciño a viciño* (ASI3) (LF).

14228 **mete-la becerra co rabo para a corte** *loc. v.* A nosa fonte (LT2) defíneo como "amolar a alguén". ZM e ANV1 non definen. *Metéronme a becerra co rabo pra corte* (ZM), *metéronme a becerra c'o rabo pr'a corte* (ANV1:38). Pero sabemos do costume (polo menos, en Caritel, Arcade, Camariñas e no Baixo Miño) consistente en que, cando se merca unha vaca ou un porco, a primeira vez adoitan metelos de cu na corte, para que lle saian bos: é dicir, que esta acción ritual pretende conseguir que ese animal se críe ben e engorde. As outras veces, como é lóxico, métenos coa cabeza para diante. (ANV1, LT2, ZM).

14229 **mete-los bois no prado** *loc. v.* Violar [unha muller]. (Ferr.).

14230 **mete-los touros na vecindá** *loc. v.* Ser infiel, poñe-los cornos [ó cónxuxe]. *A muller que mais promete/ e xura fidelidá/ é a que mais pronto mete/ os touros n-a vecindá*. (FSLQ:4).

14231 **meter nos cornos do boi** *loc. v.* Traicionar [a alguén]. *Metelos nos cornos do boi*. (PA).

14232 **meterllas co rabo prá corte** *loc. v.* Enganar [a alguén]. (VS3).

14233 **metérselle entre corno e corno** *loc. v.* Empeñarse [en algo] sen atender ás observacións

contrarias doutras persoas. *Metéuselle ese coche entre corno e corno e ata que o mercou, non parou*. (Pnovo2).

14234 **mirar por debaixo do xugo** *loc. v.* Mirar de esguello, mirar atravesado. *E el estuvo calado e botaba unhas miradas así por debaixo do xugho*. (Antas4).

14235 **muxi-lo peto** *loc. v.* Gasta-lo diñeiro aforrado. *Para podermos comprar iso, hai que muxi-lo peto todo o mundo*. (Grixó).

14236 **namorarse coma un boi** *loc. v.* Namorarse perdidamente [dalguén]. A metáfora debe ir soamente no tamaño porque costa crer que un boi se namore. *Unha ves, fai d'esto moitísimo tempo, tanto, que nin o acorda o qu'enventou o caldo, había nun lugar de Xallas y onde Cristo dou as voces, un raxo d'un vellouco qu'ô fin d'os seus anos veu á namorarse com'un boi (fora a alma) d'unha moza mais bonita qu'un sol* (ELP2:3,1897,12). É discutible que un boi, coma calquera outro animal, poida namorarse, como tamén o é que teñan calquera outro sentimento no sentido espiritual que nós lle damos a esta palabra. Entre os animais, a relación entre sexos está unicamente orientada á reprodución e só se produce no momento de celo: fóra desa época machos e femias conviven e non parece haber neles nada que corresponda nin aproximadamente ó noso namoramento. Cando chega a época de celo desenvolven determinados comportamentos que denominamos *cortexo* nos que uns e outras buscan a mellor parella posible para perpetua-los seus xenes. Existen outras actitudes no gando que tampouco poden confundirse co que nós entendemos como manifestación de sentimentos. Cando unha vaca lambe outra vaca non está acariñándoa senón buscando o sal que pode haber na suor do outro animal: non é polo tanto un indicio de cariño senón de carencia dun elemento (o sal); e cando a vaca lambe a cría, tampouco a está agarimando, senón que está identificando o seu cheiro, que vai recoñecer todo o tempo que dure unha relación entre nai e cría. O que hai no reino animal é instinto de supervivencia, que desencadea actitudes de dominio ou de sumisión e establecen unha relación xerarquizada dirixida á protección mutua dos membros do grupo. A metáfora popular (*namorado coma un boi*) pode ter que ver co valor relativo de boi (o boi é o animal doméstico máis grande e por iso *coma un boi* significa "moito, moi grande"): por iso *namorado coma un boi* podería equivaler a "moi enamorado". Pero tamén é posible que a metáfora estea construída sobre a sensación que a nós nos produce a mirada lánguida do boi, que nun humano, si, podería ser indicio de efectivo namoramento. (ELP2).

14237 **nin comer as papas nin ollar polas vacas** *loc. v.* Non facer nada. (Fra.).

14238 **non anda-lo carro** *loc. v.* Existir algún problema que impida o bo desenvolvemento dun negocio. (ERG, LT2).

14239 **non arar cos bois** [de alguén] *loc. v.* Desgustar [alguén], non querer compartir nada [con alguén]. (LT2).

14240 **non dicir nin *arre* nin *xo*** *loc. v.* Non responder, absterse de intervir, non decidirse. (Estr2).

14241 **non escapar os bois co carro** [a alguén] *loc. v.* Ser moi tranquilo, folgazán. *Non escaparlle a un os bois co carro*. (Salc3).

14242 **non escapar[lle] os bois coa grade** *loc. v. irón.* Dise de quen ten moita calma, de quen é demasiado tranquilo e non se dá présa ningunha, especialmente no traballo. *Vaiche boa! A ese non che lle escapan os bois coa grade*. (Neves4).

14243 **non facer feira** *loc. v.* Saírlle as cousas ó revés [a alguén] cando pretendía facer un bo negocio. (ERG).

14244 **non facer mala feira** *loc. v.* Saír dun negocio moito mellor do que se esperaba ou presumía. (ERG).

14245 **non fuxir co carro** *loc. v.* Ser persoa simpática pero folgazana. *-Ten coidado de que non che boten os 'pos de vente comigo', se algún día te invitan a tomar café, que a nai é fodida. -Ser, é xeitoso... pero non foxe co carro*. (Cañiza3:198).

14246 **non garda-lo rego** *loc. v.* Ser indeciso, ser persoa que un pouco di unha cousa, un pouco di outra. (Salc2).

14247 **non haber lume, nin fume nin pinta de estrume** *loc. v.* Non ter nada de nada, carecer de todo. Zamora Mosquera recólleo, por dupricado, como refrán: *Alí non hai lume, nin fume nin pinta de estrume* (ZM:20,34). (LT2, ZM).

14248 **non ir á misa no carro** [de alguén] *loc. v.* Non ser [alguén] do agrado doutra persoa e non querer tratos con el. Reunimos nun mesmo rexistro as diferentes formas que utilizan as nosas fontes: *non ir no seu carro á misa alguén* (LT2), *¡no teu carro non vou a misa!* (PRIVAS), *¡ese no meu carro non vai á misa!* (Gud5), *no meu carro non vai a misa* (MC:91). (ERG, Grixó, Gud5, LT2, MC, PRIVAS).

14248b **non irlle** [a alguén] **as vacas polo rego** *loc. v.* Saírlle [a unha persoa] as cousas ó revés de como esperaba ou desexaba. *Non lle van as vacas polo rego* Ver tamén IR POLO REGO /14214 (CLam3).

14249 **non lamber ben a vaca** *loc. v.* Estar [algo, alguén] aínda inacabado, imperfecto. Como se a vaca que lambe á cría que acaba de nacer lle dese os últimos toques. ANV1:36: "*Non te lambeu ben a vaca!* (a unha moza): Eres excesivamente morena". (ANV1, Mora6).

14250 **non levar no carro** [a alguén]**, agás na punta dos fungueiros** *loc. v.* Non ter simpatía ningunha [por unha persoa], ata o punto de simplemente soportala. PRIVAS: *¡No meu carro non te levo, agás na punta dos fungueiros!*. ZM:198: *Petapouco non vai no meu carro á misa, agás que sexa no bico dos fungueiros*. (PRIVAS, ZM).

14251 **non morrer de cornada de boi** *loc. v.* Ser persoa preguiceira que nin traballa nin arrisca. *¡Nunca de cornada de boi morres!* (Ferr2, Ferr8).

14252 **non morrer de cornada de burro** *loc. v.* Ver NON MORRER DE CORNADA DE BOI /14251. Outra aplicación posible, igualmente válida, sería a referida ó exceso de prudencia, que pretende evitar riscos insignificantes ou mesmo tan improbables como a posibilidade de recibir unha cornada dun burro. Iribarren (JMI:75) achega esta explicación que deixa ver que non é tan inverosímil o da *cornada de burro*: "Hay (en esta ciudad [Toledo]) recuas de borricos que continuamente acarrean esta agua (la del Tajo) con cántaros en unas angarillas de madera, en las cuales sobresalen hacia delante ciertos palos que suplen muy bien por una cornada con el que va descuidado por la estrechez de las callejas; y de ahí viene lo de *cornada de borrico*" (Antonio Ponz, *Viaje a España (1783-1798)*), e tamén que por terras de El Toboso, os burros que levan a auga ás casas "llevan los cántaros en un aparejo que por delante termina en dos afiladas puntas, como testuz de toro o, si se quiere, como horca en ristre; por donde acontece que en las calles más estrechas dan un encontronazo asesino al andante que viene distraído. Llaman a este lance *cornada de burro*, la más infamante de todas, como puede suponerse" (Ciro Bayo, *El Lazarillo Español*). (ZM).

14253 **non morrer do mal do boi** *loc. v. irón.* Ver NON MORRER DE CORNADA DE BOI /14251. *Iste do mal do boi non morre*. Riba1: *Non, ti non has de morrer do mal do boi*. (Foncu., Riba1).

14254 **non poder dicir nin *mu*** *loc. v.* Non poder dicir unha palabra en defensa propia, pola oposición de quen ten poder para impedilo. A expresión utilizouna na SER (19.7.2001) un exconcelleiro, a quen botaron do partido sen lle permitiren defenderse. (Común).

14255 **non poder tirar por ese carro** *loc. v.* Ser un traballo moi difícil, co que non se pode. *Cando nos poñen este carro non se pode tirar por el*. (LT2, Vigo).

14256 **non quebra-las loras** *loc. v.* Ver NON REBENTA-LOS ESTROBOS /14257. (ZM).

14257 **non rebenta-los estrobos** *loc. v.* Non esforzarse no traballo, ser preguiceiro. (LT2, ZM).

14258 **non se deixar ferrar sen aceal** *loc. v.* Non se someter facilmente á obediencia. Realmente, o aceal é unha ferramenta que se utiliza nas bestas, non nas vacas. Consiste nunha especie de pinza coa que se lle apreta e retorce o belfo, para inmobilizalas coa dor e poder facerlle algunha manobra sen perigo de levar un couce. (LT2).

14259 **non ser nin carne nin peixe** *loc. v.* Ser persoa de carácter indeciso, que carece ou non manifesta opinión definida. Ser cousa insulsa. (BRR:181).

14260 **non ter lixos na lingua** *loc. v.* Falar claramente, sen medo nin eufemismos. Coidamos que esta locución, que só se aplica a persoas, é unha metáfora nacida dunha das denominacións comúns da glosite ou estomatite no gando vacún. Ver LIXO 3 /8105 no apartado 8.5.7. *Patoloxía: estomatite*. (LT2).

14261 **non ter tulla nin vaca nin leña nin de onde (lle) veña** *loc. v.* Non ter nada de nada, carecer de todo o necesario. A nosa fonte escribe *ni de donde*. (XTC4).

14262 **non valer nin para a corte** *loc. v.* Valer moi pouco. (LT2).

14263 **ollar coma os bois para o pazo** *loc. v.* Ter unha mirada perdida ou vaga, propia de quen non presta atención ó que ve ou non comprende nada. Os bois teñen unha gran cantidade de dioptrías de carencia na visión e só miran en branco e negro. A mirada bovina é vaga e inexpresiva, ó contrario da dun ser humano que ante algo que o marabilla, coma tal un monumento, expresa admiración ou mesmo desconfianza. En Portugal: "*Pasmado como um boi, em frente de um palácio*: Parvoíce, estupidez, ignorância, deixar enganar-se fàcilmente" (DMA:248). (VLLM).

14264 **pace-la outonía 2** *loc. v.* Quitarlle ou burlarlle [a un] a moza. ERG escribe *pacinlle a outonía*. Luís Giadás engade que tamén se emprega este dito cando se lle consegue *algún favor*, suponse que á moza do outro. Imaxinamos a que tipo de favores se refire o noso informante pero, coma el, preferimos non dar máis explicacións. (ERG, LG).

14265 **para-lo carro** *loc. v.* 1. Conterse ou moderarse [unha persoa que está alporizada] (ERG). 2. Interromper [a alguén] no uso da palabra, non deixarlle seguir falando (LT2). (ERG, LT2).

14266 **parece-la vaca do Estuviño** *loc. v.* Estar moi

atoleado, face-las cousas sen rumbo. A nosa informante di *parese-la vaca do Estuviño*. Úsase esta expresión unicamente no Val do Dubra, onde é moi popular nas parroquias de Buxán e de Bembibre. Naceu dun caso que pasou na Casa do Esteviño, cando lle fuxiu unha vaca e andaba tola polas agras adiante e non había quen a prendera; é dicir, a vaca perdera a teima. Din *Estuviño* nesta locución por *Esteviño*. (Pmouro).

14267 **parecer que o lambeu o cucho** *loc. v.* Ir moi peiteado. (LT2).

14268 **parecer un arado a labrar** *loc. v.* Arrastra-los pés ó andar. (LT2).

14269 **parecer un boi de machado** *loc. v.* Ser moi bo, quizais demasiado bo. (LT2).

14270 **parecer un boi de Perrelos** *loc. v.* Ser bruto, montesío, espeluxado. Utilízase este alcume para califica-los veciños de Perrelos. *Pareces un boi de Perrelos* (ERQ:35). Santa María de Perrelos é parroquia do concello ourensán de Sarreaus. (Sarre.).

14271 **parecer un boi de Xob** *loc. v.* Ser persoa calmosa que non se deixa agoniar por nada. Podería pensarse nunha mestura de *paciencia de Xob* coa *paciencia do boi* pero pode aludir ó feito de que, cando os sadeos atacaron as propiedade de Xob, os bois deixáronse ir. No Antigo Testamento, no libro do desgrazado Xob, xa no principio fálase de alguén que chega onda el e dille o seguinte: *estaban arando os bois e as burras pacendo e viñeron os sabeos, arramblaron con todo, mallaron nos rapaces con espadas e só me salvei eu para cho vir contar* (1,14-15). (Vigo).

14272 **parecer un carro do país** *loc. v.* Traballar de máis. (Xinzo).

14273 **pecha-la porta despois de fuxido o boi** *loc. v.* Aplicar un remedio serodio, intentar poñer solucións cando o mal xa está feito. (VLLM).

14274 **pegar na vaca para que outros a muxan** *loc. v. fig.* Traballar para que outros saquen o proveito. A nosa fonte escribe *Pegar da vaca pra qu'outros y-a muxan*. Coidamos que se trata dun erro por *pegar na*, porque *pegar em* é unha locución que en portugués significa "coller, agarrar" e é ben posible que estea viva por Verín, dado o intenso contacto cos veciños portugueses da outra banda da raia. (PA).

14275 **pensar na morte da becerra** *loc. v.* Andar despistado, pensando nos biosbardos. (Amoeiro, ERQ4:233, Grixó).

14276 **pensar na morte da toura** *loc. v.* Ver PENSAR NA MORTE DA BECERRA /14275. (Amoeiro).

14277 **pensar na morte da xata** *loc. v.* Ver PENSAR NA MORTE DA BECERRA /14275. (VLLM).

14278 **perde-la solta** *loc. v.* Perder [unha muller] a virxindade. (MLP:405).

14279 **perde-la teima coma a vaca do Estuviño** *loc. v.* Ver PARECE-LA VACA DO ESTUVIÑO /14266. (Pmouro.).

14280 **perde-las vacas** *loc. v.* Perde-la compostura, facer algo sumamente inapropiado na situación na que se está. (Tui5).

14281 **pisar onde pisa o boi** *loc. v.* Actuar con precaución, cautela e seguridade. (Mora5).

14282 **poñe-lo carro antes cós bois** *loc. v.* Ver POÑE-LO CARRO DIANTE DOS BOIS /14283. XLRG:67: *Non poñer os carros antes que os bois*; ZM:204: *¡Poñer o carro antes que os bois!*. (Ferr., LT2, XLRG, ZM).

14283 **poñe-lo carro diante dos bois** *loc. v.* Adiantarse ós acontecementos, precipitarse, inverti-la orde natural das cousas, facer antes o que compría facer despois. Reunimos neste mesmo rexistro as diferentes formas que usan as nosas fontes: *poñer o carro diante dos bois* (Riba1:48), *poñelo carro diante dos bois* (ERG), *pór o carro diante dos bois* (Gud5). *Pos o carro diante dos bois. Estás botando as contas e aínda non falaches co propietario. Non sabes o que que che vai pedir* (ST:62). Corresponde co cast. *echar la soga tras el caldero* (XERCG). (ERG, Gud5, LT2, Riba1, ST, XERCG).

14284 **poñe-lo xabresugo** *loc. v.* Casar. A nosa fonte recolle *poñerlle o xabresugo a alguén*. Ver POÑE-LO XUGO 2 /14286. (LT2).

14285 **poñe-lo xabrexugo** *loc. v.* Suxeitar [a alguén], sometelo a disciplina e ó traballo duro. Por extensión, casalo. A nosa fonte escribe *¡Puxéronlle o xabrexugo!* (ZM).

14286 **poñer o xugo 2** *loc. v.* Coloca-la estola do crego sobre a parella de noivos no rito nupcial, como símbolo da vida en común. *Tras do 'sí' vén a entrega de arras e póñense os aneis. Logo o crego pon a estola sobre a parella. A iso chámase 'poñer o xugo' e é símbolo da futura vida en común*. (XRMF1:104).

14287 **poñe-los bois antes có carro** *loc. v.* Ver POÑE-LO CARRO DIANTE DOS BOIS /14283. Reunimos neste mesmo rexistro as diferentes formas que usan as nosas fontes: *¡non poñer os bois antes que o carro!* (ZM:156), *poñel'os bois antes c'o carro* (ER:121), *por os bois antes qu'o carro* (PA). (ER, LT2, PA, Sob., XER, ZM).

14288 **poñe-los bois antes do carro** *loc. v.* Ver POÑE-LO CARRO DIANTE DOS BOIS /14283. DRAG: *poñer os bois...*; ERG: *poñelos bois...* (DRAG, ERG).

14289 **poñe-los cornos** *loc. v.* Ser infiel. (Común).

14290 **poñer nos cornos da lúa** *loc. v.* Eloxiar [a alguén] excesivamente, describilo como por riba dos demais. ERG escribe *lua*. (ERG).

14291 **poñer o xugo a concello** *loc. v.* Someter un

asunto propio a discusión doutras persoas ou entidades. *Ó que pon o seu xugo a concello, unhos lle dirán que é branco e outros lle dirán que é negro*. (XTC4).

14292 **poñer / face-los cornos** [a alguén] *loc. v.* Realizar un xesto consistente en dobra-los dedos medios e deixar estirados o índice e o meimiño que ou sinalan o interlocutor ou que se erguen cara arriba. Valladares califícao de *accion feísima, usada solo entre ordinaria gente*. (Común).

14293 **poñerse de cornos** *loc. v.* Incomodarse. (Com1).

14294 **pór os bois ao carro** *loc. v.* Adormecer, colle-lo sono. *Acábase de deitar e xa puxo os bois ao carro*. (Neves4).

14295 **porse na fura de diante** *loc. v.* Enfadarse, exaltarse moito. A nosa fonte escribe *pórse* ... (Pentes1).

14296 **porse nos cornos da lúa** *loc. v.* Ver PORSE NA FURA DE DIANTE /14295. A nosa fonte escribe *pórse*... (Pentes1).

14297 **por[se] ó rego** *loc. v. Ú. t. c. tr.* Actuar con rectitude unha persoa someténdose ás normas que dita a experiencia ou a lei ou a autoridade. *Aquí o rego significa gávea ou suco que o arado deixa aberto na terra. Botando outra vez man á cultura material, entenderemos este dito. Cando o labrego apón a xugada no arado, e enfileira ó xeito debido, está xa pronta para comezar a labrar, eso sí, moi dereitiño, pois o primeiro rego ha de servir de guieiro para o seguinte; pois o un dos animais ha de camiñar por el, labrando outro novo parello ó primeiro. Este é o animal que vai "posto no rego". Así, pois, pónse ó rego unha persoa cando se encamiña na rectitude dos seus actos e mais do seu proceder en xeral, é dicir, facendo as cousas ben. Mais concretamente pode referi-lo xeito de aviarse para calquera traballo ou outro trafego que conveña*. (Forc4:34).

14298 **quedar como unha vaca mirando para o tren** *loc. v.* Quedar estupefacto [ante algo]. Ver OLLAR COMA OS BOIS PARA O PAZO /14263. (Ver3).

14299 **quedar feito un corral de vacas** *loc. v.* Quedar sucio e en desorde [un lugar] despois de acontecer algo nel. *Y así, Real Señora, desimos a vuestra Real Majestade de que aquela grande Vila, muy nobre y muy leal, quedóu hecha un corral de puercos y vacas*. (TerP:36).

14300 **quere-la vaca e maila corda** *loc. v.* Querelo todo, non conformarse cunha soa opción. (Cam3).

14301 **querelo branco e migado e que (lle) digan que é leite** *loc. v.* Querer que llo dean todo, e todo feito, e por riba ser descontentadizo. Rivas Quintas escribe exactamente: *quérelo blanco e mijado e decirche que é leite* (*Frampas*, s.v. *leite*). Abelen. recolleo como fórmula: *Branco e migado calquera di que é leite: Úsase para contestarlle a alguén que di que é moi fácil facer unha cousa. 'Pois non me custou moito facelo. - Home claro, de branco e migado calquera di que é leite'*. (Abelen., Xun2).

14302 **razonar como unha vaca no millo** *loc. v.* Non sabe-lo que se di, dicir ou facer disparates. (Tioira3).

14303 **reprende-las vacas e ceiba-las cabras** *loc. v.* Ser rigoroso no que ten menos relevancia e deixado no máis importante. (VS).

14304 **requichar a mulida** *loc. v.* Protestar por algo. *Requichar* é levantar; e requicha-la mulida é ergue-la cabeza un bovino axugado en protesta, ben polo exceso de peso que debe soportar, ben polo mal trato que está recibindo. Ver SACUDI-LAS MULIDAS /14309. (Gud5).

14305 **revolver a feira** *loc. v.* Sementar discordia entre dous, botar por terra un negocio no que outros andaban metidos. (ERG).

14306 **saber con que bois se ara** *loc. v.* Coñecer ben as virtudes e defectos dos colaboradores. Reunimos neste mesmo rexistro as diferentes formas que usan as nosas fontes: *eu ben sei con que bois aro* (MC:90), *eu ben sei cos bois que aro* (MC:90), *sei con que bois aro* (ANV1:55), *ben sei eu con qué bois aro* (LF:150), *¡ben sei con que bois aro!* (ZM:44), *sei con qué bois aro!* (ZM:225), *sei con que bois aro* ("conozco el paño") (MLP:404), *saber ún con que bois ara* (Riba1:49). Ver4b dá estoutra variante que supoñemos que se emite con entoación que deixa ve-la intención irónica: *¡Non sei con que bois aro!* . De feito defínea con estas palabras "¡No sé con que bueyes aro! Se dice así cuando uno alardea de conocer bien un sujeto de dudosa honradez". *¡Bo! iso xa hai tempo que o estaba eu vendo -respondeu [...] Xan do Casal- porque eu ben sei con que bois aro* (ALF:156). Corresponde co cast. *conocer el paño* (XERCG:533), *saber que terreno pisa* (XERCG:706), *saber donde le aprieta el zapato* (XERCG:760). (ALF, ANV1, ERG, LT2, MC, MLP, Riba1, Ver4b, VLLM, XERCG, ZM).

14307 **saber con que gando se ara** *loc. v.* Ver SABER CON QUE BOIS SE ARA /14306. (LT2).

14308 **saber con que gando se labra** *loc. v.* Ver SABER CON QUE BOIS SE ARA /14306. MVN di *'Sèi con que gando labro'= Sé con que gente trato*. (LT2, MVN7).

14309 **sacudi-las mulidas** *loc. v.* Ser engreído. *Esta moza moito sacode as mulidas*. Ver REQUICHAR A MULIDA /14304. (Xinzo).

14310 **saírlle** [a alguén] **as contas do boi pequeno** *loc. v.*

Non resultar algo como se esperaba. *Pensou que se ía pór rico co restaurante, pero logo tivo que pechar. Saíronlle as contas do boi pequeno*. (Abelen.).

14311 **se-la vaca da voda** *loc. v.* Ser quen paga os gastos da voda ou festa e, por extensión, a quen todos acoden nas súas urxencias. ERG escribe *vaca da boda*. (ERG).

14312 **sentir a calor coma unha vaca vella** *loc. v.* Producirlle [a alguén] moito malestar a calor. A nosa fonte escribe *sintir a calor*... As vacas vellas aturan moi mal a calor forte do verán, cousa que non acontece coas novas. (Carte.).

14313 **ser carne do peito** *loc. v.* Presentar un asunto moitas dificultades, como dura de rillar é a carne do peito. *A vida foise pondo de tal xéito/ e veñen os traballos tan a éito,/ que o máis pitoño sin esforzo ve/ que pra subil-a costa ben direito/ -esta costa que é carne do peito-/ nin ha paral-a tésta nin o pé*. (PL4b:2).

14314 **ser coma a carne do pescozo** *loc. v.* Ver SER MÁIS MALO CÁ CARNE DO PESCOZO /14334. (LT2).

14315 **ser coma a vaca da tía Ramona** *loc. v.* Ser atrapallado, torpe, pouco desenvolto, lento no traballo. (Tioira3).

14316 **ser coma a vaca moi feireada** *loc. v.* Ser moza que xa tivo moitos mozos pero que non se comprometeu con ninguén. *Esa moza éche como a vaca moi feireada, agora non hai quen a queira*. (Antas4).

14317 **ser coma a vaca parideira** *loc. v.* Empreñar logo [unha muller]. (Sob1).

14318 **ser coma a vaca vella: sempre cocendo e sempre crúa** *loc. v.* Ser interminable [un asunto]. Por extensión, ser eterna ou inextinguible [unha realidade]. *A Poesía non vos morre, meus queridos; é coma a vaca vella: sempre cocendo e sempre crua... Dios deulle sete folgos como ós gatos e por máis que fagades, e por máis que patuxedes, non lograrés nunca barrel-a de sobr'o praneta*. (MCEa:XII).

14319 **ser coma o boi de Belén** *loc. v.* Ser paciente, ser bo de máis. *É coma o boi de Belén: vai para onde o leven*. Ferr.: *ser coma un boi de Belén*. *Deixádevos de panxoliñas, porque o que é hoxe ides facer lume cos ósos en canto vos conte o que sei. Aínda que fósedes de barro, como os bois de Belén, ides arder de carraxe* (CAS1: *Os vellos non deben de namorarse*, 548). (CAS1, Ctel1, ERG, Ferr., Gro4, Mora5, XER).

14320 **ser coma o boi de Laíño** *loc. v.* Ser lento, tardón, tranquilo. A frase completa, segundo Llópiz, é *ser coma o boi de Laíño, que tanto tardou que morreu no camiño* (VLLM:139). Co nome de Laíño hai dúas parroquias (S. Xoán e S. Xián) no concello de Dodro, onda Padrón. Saco dá esta variante *Parecer un boi de Laíño* e defínea dicindo que se aplica ós homes de moito corpo pero de carácter moi tranquilo, e engade que os bois de Laíño destacan pola súa corpulencia (JASA:323). Llópiz di que o *boi de Laíño* é a personificación popular e campesía da pachorra e que Laíño probablemente está aí para rimar con *camiño* pero a mansedume dos bois de Laíño (ou de Padrón) aparece xa, como se viu falando das corridas de touros en Padrón, en textos que nada teñen que ver co camiño e probablemente está xa na tradición dos bois da raíña Lupa que mansamente se deixaron xunguir para levaren o corpo de Santiago Zebedeo dende Padrón a Compostela. *Como andan estes manichos, fusionistas e conservadores da capital, non é pra contar. Axuntanse os pormeiros na casa do sogro; mais alí non se arrombou ben o nagocio, e tivo que vir o amo á Vila pra xuntar os seus bois de Laíño nunha casa da Rúa de Michelena; i estonces, todos, polo menos n'aparencia, baixaron o pescozo e deixaronse xunguir. Os conservadores que andaban tamén medio levados da trampa, figueron as paces, i están dispostos a marchar xuntos, sin diferencias, direitos ó ouxeto* (An11b:2). (An11b, JASA, VLLM).

14321 **ser coma o boi ladrón** *loc. v.* Tirar para fóra máis que para a propia casa. (LT2).

14322 **ser coma o boíño de Outes, que folgando escornouse** *loc. v.* Ser extremadamente preguiceiro, ata o punto de mancarse -ou simular- sen facer nada. Non valer para nada. Esta expresión compleméntase co refrán *O boi ruín na corte se manca/se esmouca* (romper un corno). (LT2, VLLM:1, 147).

14323 **ser coma o gando** *loc. v.* Ser bruto, incívico. (LT2).

14324 **ser coma o Outeiro do Corno** *loc. v.* Ser un lacazán. Supoñemos que a motivación é que un outeiro é moi visible pero sempre estático. Véxase 15.2.3.1. (Tioira3).

14325 **ser coma os bois de Búa** *loc. v.* Ser preguiceiro, asustarse ante o traballo que hai que facer. A frase completa é *ser coma os bois de Búa, que cando ollan para o carro cargado, xa súan*. Búa é lugar da parroquia de Barro (Barro, Pontevedra). (VLLM:1, 138).

14325b **ser coma quitarlle un pelo a un boi** *loc. v.* Ser un gasto proporcionalmente irrelevante. *Para o que é unha multinacional, editar un libro é coma quitarlle un pelo a un boi*. (Mon1).

14326 **ser coma un carro ferrado** *loc. v.* Ser moi sólido, física e moralmente. (LT2).

14327 **ser contos da feira que van para o mercado** *loc. v.* Ser [algo] un rumor ó que non se lle dá importancia. Úsase para expresar

disconformidade cos rumores que circulan. MVN2: *d'a feira... pra o*; UCA2: *pra o mercado*. (LT2, MNV2, UCA2, ZM).

14328 **ser de *Dios coma a becerra** *loc. v.* Ter dereito a participar nas regalías de que gozan os outros. Posiblemente sexa frase proverbial dun conto popular do que non gardamos memoria. *¡Eu tamén serei de Dios coma a becerra!*. Na Estrada co mesmo valor dise *ser de Dios coma o can de Miguel*. (Antas4).

14329 **ser gando mal coidado** *loc. v.* Ver SER GANDO MAL GARDADO /14330. (TCha).

14330 **ser gando mal gardado** *loc. v.* Correr riscos innecesarios. No remate desta parte léxica pódense ver numerosas cantigas que utilizan esta expresión. (Corme1, Coto2, FBB, LimiaB, LT2, MVN, SCHU, VD, XAB2, XLF2).

14331 **ser igual ca un becerro** *loc. v.* Ser persoa pouco espabilada. *¡Es igual ca un becerro!* (Antas4).

14332 **ser inchado coma o leite fresco** *loc. v.* Ser moi soberbio e finchado e enfurecerse ó menor descoido. A nosa fonte escribe *é hinchado como o leite fresco* (ERQ:*leite*). (Xun2).

14333 **ser máis bruto có boi de Tomás** *loc. v.* Ser moi bruto. Coma no caso de *parece-la vaca do Estuviño*, alude a un animal especialmente fero dun veciño de Carguizoi, que quedou na memoria local. (Tioira3).

14334 **ser máis malo cá carne do pescozo** *loc. v.* Ser de mala calidade [unha cousa]. A carne do pescozo da vaca é a máis mala, por dura. Aplicado a persoas, ser ruín e miserable, ter malos sentimentos. (Leiro1).

14335 **ser máis pesado que unha vaca en brazos** *loc. v.* Resultar [alguén] moi pesado ou cargante. (Goá, Gud5).

14336 **ser máis pesado que unha vaca preñada** *loc. v.* Resultar [alguén] cargante, empalagoso, rallante. (Marín5).

14337 **ser máis ruín cá carne de pescozo** *loc. v.* Ver SER MÁIS MALO CÁ CARNE DO PESCOZO /14334. A nosa fonte aplícao só a persoas: *...dicen de una persona con malos sentimentos 'es máis ruin ca carne de pescozo'*. Rivas Quintas recólleo en Outeiro da Torre, Maceda, Ourense. (ERQ2:124).

14338 **ser nugallán coma unha vaca** *loc. v.* Ser moi nugallán. A vaca é como é e o ritmo dela é máis lento có ritmo do home. Por iso, só mirada con ollos humanos, pode parecer nugallá unha vaca, cando, en realidade, é dócil mesmo cando se lle esixen traballos ben difíciles. (Antas4).

14339 **ser o mesmo que voar un boi** *loc. v.* Resultar [algo] imposible ou absurdo. (ERG).

14340 **ser peor cá carne do pescozo** *loc. v.* Ver SER MÁIS MALO CÁ CARNE DO PESCOZO /14334. (Gud5).

14341 **ser problema da vaca** *loc. v.* Ser problema conxénito, estrutural ou persoal que non ten solución. Aplícase a calquera contratempo cando ten esas características. *Non lle deas voltas: éche problema da vaca*. (Vboa2).

14342 **ser rabo de vaca** *loc. v.* 1. Desdicirse, cambiar de opinión (Oleiros). 2. Non ter [un mariñeiro] un traballo determinado no barco (Ares). (Ares, Oleiros).

14343 **ser todo unha ghandada** *loc. v.* Ser [un grupo de persoas] de pouca cultura ou categoría, moi ignorantes. A nosa fonte escribe *todo é unha jandada*. (Maía).

14344 **ser un achandabosteiros** *loc. v.* Carecer de personalidade, darlle a razón a todos. (Salc2).

14345 **ser un becerriño** *loc. v.* Ser moi inquieto [un rapaz]. (Amandi, Sober2).

14346 **ser un boi de barro** *loc. v.* Ser persoa sen malicia. XER di "ser bo de máis, sen malicia". Reunimos neste mesmo rexistro as diferentes formas que usan as nosas fontes: *un bonazo: Y-é... un boi de barro* (ANV1:55), *ser un boi de barro* (AGA:96). Aínda que nos parece clara a referencia ó boi do portal de Belén, ¿será *de Barro* e perderiámo-lo remate do dito? Lémbrense locucións semellantes referidas ós *bois de Búa* ou *de Laíño*. (AGA, ANV1, ERG, LT2, XER).

14347 **ser un boi de Belén** *loc. v.* Ser de carácter extremadamente pacífico. Ter pouca vontade. Reunimos neste mesmo rexistro as diferentes formas que usan as nosas fontes: *¡é un boi de Belén!* (ZM:90), *un bonazo: Y-é... un boi de Belén* (ANV1:55). (ANV1, ERG, LT2, ZM).

14348 **ser un boi de palla** *loc. v.* Ser persoa boa e sen malicia, incapaz de facer dano. Ser unha persoa apacible, compracente, suave, amante. ERG, LCA1 e XER lematizan como loc. s. *boi de palla*. ZM:90: *É un boi de palla!*. DRAG e Carré fano equivaler a *Juan Lanas* que o DRAE define como "hombre apocado que se presta con facilidad a todo cuanto se quiere hacer de él". Nótese a evidente relación con *home de palla*. (DRAG, ERG, LCA1, LT2, XER, ZM).

14349 **ser un boi do portal** *loc. v.* Ver SER UN BOI DE BELÉN /14347. (LT2).

14350 **ser un boi manso** *loc. v.* Ser un xanciño. Corresponde co cast. *ser un Juan Lanas*. LT2 dálle un matiz positivo: "ser de bo natural". (LT2, XERCG).

14351 **ser un boi para o traballo** *loc. v.* Ser esforzado ou resistente nos traballos máis pesados e duros. En Portugal utilizan as formas *boi de trabalho* e *burro de carga* para falar de quen carga co seu traballo e o dos demais (DMA:207). (DRAG, ERG).

14352 **ser un canga baixa** *loc. v.* Facerse o parvo sen selo. (Nove.).

14353 **ser un cansavacas** *loc. v.* Ser un preguiceiro. (LT2).

14354 **ser un carne asada** *loc. v.* Ser tacaño. *É... un carn'asada* (AI). (AI:230, LT2).

14355 **ser un carro cansón** *loc. v.* Ser moi lento. (LT2).

14356 **ser un cornelán** *loc. v.* Ser [un marido] enganado, cornudo. (Gud5, LP2).

14357 **ser un cornelas** *loc. v.* Ver SER UN CORNELÁN /14356. (Pentes1).

14358 **ser un folgazán que se manca no cortello** *loc. v.* Ser moi folgazán, que cansa mesmo cando está a descansar. Tamén recolle a variante *ser un nugallán que se manca no cortello*. (LT2).

14359 **ser un mansamolidas** *loc. v.* Facerse o parvo sen selo. (Ram.).

14360 **ser un manteigas** *loc. v.* Ver SER UN MANTEIGUIÑAS /14362. (LT2).

14361 **ser un manteigueiro** *loc. v.* Ver SER UN MANTEIGUIÑAS /14362. "El hombre poco sufrido: *É... un manteigueiro*". (ANV1:054).

14362 **ser un manteiguiñas** *loc. v.* Ser un pusilánime, non ter aguante ningún. Ser [unha persoa] coitada, queixenta. *É un manteiguiñas*. A manteiga deixábase para os enfermos e a persoa que, tendo saúde, se afacía á manteiga, tíñase por efeminada. *A xente conta mil cousas deste home terríbel e percavido, que endexamais se pon a xeito para levar unha somanta. O xefe de negociado de 'clases pasivas' sabe traga-la pezoña que lle xurde na boca, porque os empregados non se deixan asoballar pola súa maldade, e o mesmo porteiro deprendeu a poñerlle cara de can. Somentes Pedro é un manteiguiñas, incapaz de defenderse* (CAS1: *Os dous de sempre*, 316). (ANV1:54, CAS1, ERG, ERQ, LT2, ZM).

14363 **ser un mulidas** *loc. v.* Ser antipático. (Xinzo).

14364 **ser un verdadeiro boi** *loc. v.* Ser persoa bruta e de costumes pouco pulidos. -*¡Dios nos salve, comadre! -Salvenos Dios o corpo e na ialma, compadre. -¿E qué tal se encontra? Capás de arranxar outro, ¿non? -¡Bo, deixeme en pas!... Meu compadre, que é un verdadeiro boi, ría como un badulaque, escarranchando a boca pra mostrar os dous únicos dentes que ten, cheos d'esterco e tan longos, que daba cada un deles o puño pra un paraiagoas*. (BRR:18).

14365 **ser un zorro manteigueiro** *loc. v.* Ser moi renarte ou astuto para busca-las propias comenencias. Reunimos neste mesmo rexistro as diferentes formas que usan as nosas fontes: *é... un zorro manteigueiro* ("ser muy disimulado y astuto") (ANV1:53), *¡é un zorro manteigueiro!* (ZM:92). (ANV1, ZM).

14366 **ser unha vaca** *loc. v.* Ser pouco coidadosa unha muller. Esta locución probablemente alude á pouca fineza con que unha vaca actúa con cousas que os humanos valoran, aínda que cómpre sinalar que a vaca actúa con moito esmero coas cousas que a ela lle importan. (Gud5).

14367 **ser vaca** *loc. v.* Ser un nugallán, ser persoa preguizosa, que está sempre man sobre man. *¡Mira que es vaca!*, *¡Móvete, vaca!*. A locución *ser vaca* tamén está viva en Portugal pero ten o significado de "ser (unha muller) vagabunda, prostituta, fácil". (Ctel18).

14368 **solta-la trela** *loc. v.* Darlle liberdade [a alguén]. (LT2).

14369 **suar coma un boi** *loc. v.* Suar moito. *Y-o señor Mingucho, c'os ollos revoltos e suando com'un boi, sigueu call'arriba maldicindo con todal as suas forzas*. (ELP2:13,1897,27).

14370 **suar coma un touro** *loc. v.* Ver SUAR COMA UN BOI /14369. *O salón era cativo/ pero en troques, era un forno,/ habia que abrir a boca/ pra respirar o aire un pouco,/ e tan quente estaba o aire/ que un suaba como un touro,/ e derreter derretíase/ ¡puf! hastra a cana dós hosos* (An14:7). *A moza, suando com'un toro, y-afogada con tanta cebola, caeu esmorecida tan longa como era* (ELP3:6,1909,13). (An14, ELP3).

14371 **te-la forza dun boi** *loc. v.* Ver TER FORZA COMO UN BOI /14378. (Gud5).

14372 **te-las vacas no millo** *loc. v.* Te-lo mal ou a orixe do mal dentro da propia casa. (LT2).

14373 **te-lo coitelo e o queixo** *loc. v.* Te-lo control absoluto nunha situación. Equivale ó cast. *tener la sartén por el mango*. (Riba1).

14374 **te-lo formigo 2** *loc. v.* Ser inquedo. (Grixó, LT2).

14375 **te-los ollos coma un boi** *loc. v.* Te-los ollos grandes e redondos. (Marín3).

14376 **ter andar de boi** *loc. v.* Ser lento nas cousas, ser calmoso. (LCA4).

14377 **ter formigos** *loc. v.* Ter parte nunha casa. *Formigos* é o nome do primeiro leite ou costro. Pereda non explica a relación entre as dúas partes da definición. (PA).

14378 **ter forza como un boi** *loc. v.* Ter moita forza. (Sober2).

14379 **ter furmigos** *loc. v.* Ver TER FORMIGOS /14377. (PA).

14380 **ter lingua coma a vaca rabo** *loc. v.* Ter moita parola, falar, falar e nunca cansar de falar. Abadín3 di *lengua*. (Abadín3, LT2).

14381 **ter máis aire que un rato no bico dun queixo** *loc. v.* Ser moi presumido e fachendoso. (Goá).

14382 **ter máis entrefollos que unha vaca** *loc. v.* Ser persoa retranqueira. (Pont2).

14383 **ter máis fachenda ca un gato enriba dun queixo** *loc. v.* Ser moi presumido e fachendoso. (Nove.).

14384 **ter máis leite que unha vaca** *loc. v.* Ter [unha muller] leite de abondo cando está criando. A nosa fonte escribe *tèn máis leite que unha vaca*. (ERG).

14385 **ter máis mimo que unha vaca rabo** *loc. v.* Ser melindreiro. (Goá).

14386 **ter ollos de boi** *loc. v.* Te-los ollos saídos. Ver OLLO DE BOI 5 /13953. Te-la mirada pouco viva. (Com1, Este., XER).

14387 **ter ollos de vaca** *loc. v.* Ver TER OLLOS DE BOI /14386. (Caa., Incio., XER).

14388 **ter paso de boi** *loc. v.* Andar a modo, con moito vagar, sen apurar nunca. Reunimos neste mesmo rexistro as diferentes formas que usan as nosas fontes: *ter paso de boi* ("ser poco activo") (ANV1:57), *¡ter paso de boi!* (ZM:236). (ANV1, ZM).

14389 **ter pescozo de boi** *loc. v.* Te-la caluga moi ancha e robusta. *A* [caricatura] *de Unamuno, co seu pescozo de boi*. Sabemos que o nome de *cachazo*, que normalmente significa "pescozo da vaca", tamén se aplica, en sentido burlesco, á xente cando o ten groso de máis. (CAS1:4, 184).

14390 **ter postas as cangalleiras** [a alguén] *loc. v.* Ter [a alguén] suxeito ou dominado. *Terlle postas as cangalleiras a alguén*. (LT2).

14391 **ter tanto bazo coma a miña vaca** *loc. v.* Ser [unha persoa] sumamente tranquila, lenta e cachazuda, que non se inmuta por nada. Reunimos neste mesmo rexistro as diferentes formas que usan as nosas fontes: *tés tanto bazo como a miña vaca* (ZM:237), *tés tanto bazo com'a miña vaca* (ANV1:58), *tén tanto bazo coma a miña vaca* (ERG:bazo). Eladio Rodríguez recólleo de Noriega Varela, *Como falan os brañegos*, e compárao con estoutras expresións: *ter tanto bazo coma un burro morto* e *ter tanto bazo coma o difunto á porta da igrexa*. (ANV1, ERG, ZM).

14392 **ter un carro de** + (subs.) *loc. v.* Ter dunha cousa en abundancia. (LT2).

14393 **ter un corazón máis brando cá manteiga** *loc. v.* Ser [unha persoa] bondadosa e xenerosa. *Si eu, sempre dixen, señora águia, que vostede era unha boa persona, que tiña un curazón mais grande que o d'un boi e mais brando que a manteiga. Vostede si que es caridosa, considerada y filantrópeca*. (GB1:69).

14394 **ter un peito de boi** *loc. v.* Ser moi forte. (Sober2).

14395 **ter unha marela...** *loc. v.* Ter moita retranca. *Ese tenche unha marela...!*. (Oroso).

14396 **ter unha tella coma un boi ladrón** *loc. v.* Ser persoa maniática. *Ten unha tella coma un boi ladrón*. (Cañiza3:297).

14397 **ter unha vaca de leite** *loc. v.* Ter un traballo cómodo e lucrativo. (XERCG).

14398 **tirar a pedra despois que pasou o carro** *loc. v.* Buscar inutilmente solucións cando xa se superou o problema. (XLF3:66).

14399 **tirar do carro** *loc. v.* 1. Axudar [a alguén] nun traballo. 2. Leva-la maior parte do traballo ou da responsabilidade nunha actividade que se fai entre varios. (ERG).

14400 **tirar dos tetos astra xa non quedar máis** *loc. v.* Abusar dunha persoa ou situación ata lograr dela o máximo beneficio. (Gud5).

14401 **torcerse como un cancil** *loc. v.* Ser flexible de corpo. O *cancil* é a peza do xugo en forma de U que rodea o pescozo das vacas. (Salc1).

14402 **torcerse o carro** *loc. v.* Complicarse as cousas, presentarse inconvenientes non previstos. (ERG, LT2).

14403 **traballar ás dúas mans** *loc. v.* Apalabrar [unha propiedade, un traballo, un apoio] a dúas persoas interesadas, para quedar a ben cos dous e logo darlla ó primeiro que pague, esquecendo o compromiso co outro. Coidamos que é un segundo significado e figurado da mesma loc. que, como é sabido, se aplica ás vacas que tiran do carro ou do arado polo lado que lles é habitual e máis doado ou que teñen que facelo, lles guste ou non, por calquera dos dous, coma *a vaca do pobre*. (CLam2).

14404 **traballar coma un boi** *loc. v.* Traballar moito e duramente. (Ferr.).

14405 **traballar como a vaca do pobre, ás dúas mans** *loc. v.* Traballar de máis. As vacas gardan memoria do lado do que as xunguiron as primeiras veces e traballan sempre a esa man porque lles dá máis xeito. A vaca do pobre, sendo única, ten que adaptarse á vaca que un veciño lle empreste ó seu dono. E así vese forzada a traballar á man dereita e tamén á man esquerda. *Cunha e mais coa outra ímonos gobernando -respondeu Casal- porque temos que traballar, como a vaca do pobre, ás dúas mans* (ALF:226). (ALF, LT2, VLLM).

14406 **traballar unhos á canga e outros á mulida** *loc. v.* Tirar uns para un lado e outros para outro nunha cuestión, defendendo opinións contrarias. Anibal Otero recólleo como *traballar (o tirar) unhos á canga y outros á mulida*. (Piquín).

14407 **traguer a rego** *loc. v.* Dominar, facer que outro (un animal tamén) se mova á velocidade que un quere. *Si finco o meu ferrote / no pelexo dos bois, non digo nada: sair os fago a trote, / e mándeme o labrego / galvás, que eu pronto os ei de traguer a rego*. (AMoSa).

14408 **tratar coma unha xovenca / coma xovencas** [a alguén] *loc. v.* Pretender controlar [unha fillas /as fillas] en exceso, sen darlles liberdade.

Aplícase á relación entre pais e fillos. *Diste xeito é coma moitas nais se convirten en tiráns das súas fillas, tratándoas coma xovencas que non se poden deixar da corda*. (GB2:201).

14409 **unta-las rodas** *loc. v.* Ver UNTA-LO CARRO /14410. (LT2).

14410 **unta-lo carro** *loc. v.* Darlle un regalo [a alguén] para que axude nun negocio ou asunto difícil; subornar a alguén. Metáfora que alude ó feito de unta-lo eixo con sebo para axudar ás vacas. LT2 tamén recolle esta expresión dentro da frase *este carro non anda se non o untan*. Iribarren explica o equivalente castelán, *untar el carro* como "dando a entender que mediante dádivas a los funcionarios se consigue que los pleitos o expedientes sean resueltos pronta y favorablemente" (JMI:23). (ALF, ERG, Estr2, LT2, Porr2, Riba1, XER, XLRG).

14411 **vi-lo corno dereito** *loc. v.* Vivir prosperamente, ter éxito [alguén]. *A min que me veña o corno dereito e logo que diga a xente*. (Ferr.).

14412 **vir cando as leiteiras** *loc. v.* Ser un trasnoitador. Compárao coas leiteiras, que chegan á vila de mañán cedo. (GEG).

14413 **vir cega da corte** *loc. v.* Actuar con torpeza, por falta de información. (LT2).

14414 **vir ó rego** *loc. v.* Deixarse convencer, atende-las razóns que nos dan para facer algo. *Si es galego has de vir ó rego* (Corme1:504); *¡ese non vén ó rego!* (PRIVAS). (Corme1, LT2, PRIVAS).

14415 **volver á vaca fría** *loc. v.* Volver na parola a un tema que se deixara un tempo antes, retornar ó asunto de que se estaba a falar antes. (Ctel10).

14416 **volver vendendo aguilladas** *loc. v.* Volver soa [unha moza] da festa ou da romaría, sen ter un galán que a acompañe. ZM recólleo como *volveu vendendo aguilladas!* (ANV1:63, XLF3, ZM).

14417 **zugar bo teto** *loc. v.* Medrar grazas a unha boa alimentación. O noso informante aplícao a unha árbore plantada en terra ben fértil. (LT2).

14418 **a carradas** *loc. adv.* En abundancia. (LT2).

14419 **a corno tanguido** *loc. adv.* Forma de avisa-los veciños, tocando un corno en forma de bucina, para reparti-la quenda da rega compartida. A nosa fonte (s.v. *levadeiro*) escribe *a corno tangido*. (Morei-X).

14420 **á hora en que se convirtan os pelouros en queixos de Frandes** *loc. adv.* Nunca. A locución empraza a acción de que se trate ó momento no que se dea unha situación absolutamente imposible, como que unha pedra se convirta nun queixo de bóla. Obviamente refírese ós queixos de Flandes ou Flandres ou *queixos de bóla*. *-¿E cando se concruirá o ferro-carril d'Ourense a Vigo? -Iso éche cousa de bruxería, deben andar n'o allo cangrexos, pois sempre marcha car'atrás. N'a via crece a herba, indireuta que nos votan os Empresarios, pois como quen dínnos, que xa que somos burros de carga que tal sofrimos, debemos de nos manter con forraxe. Iremos a Vigo en ferro-carril o ano en que Xesucristo volva o mundo, a esbaratar fariseos y-a facer santos de ladrós; a tarde en que chovan papas, a hora en que se convirtan os pelouros en queixos de frandes* [sic]*; a noite en que a lua apareza con dezasete cornos pra lle dar unha cinzarrada a Empresa; cando a zorra deixe de roubar galiñas, e cando s'axuden os gallegos ús a outros*. (An3:198).

14421 **a paso de boi** *loc. adv.* Lentamente, a modo, con prudencia pero con firmeza. *Dígolle á vostedes qu'o adianto do sigro vai en ferro-carril, e non no ferro-carril gallego, que camiña á paso de boi* (An1:136). (An1, ERG, Gro1, LT2, XER).

14422 **coma se cantara un carro** *loc. adv.* Ver COMO SE CANTASE UN CARRO /14425. (LT2).

14423 **coma se rousara un carro** *loc. adv.* Ver COMO SE CANTASE UN CARRO /14425. Segundo ERG, *rousar* sería virar ou dar volta un carro, e *rousear* canta-lo carro cando dá volta. (LT2).

14423b **coma unha mosca no leite** *loc. adv.* Fóra de lugar, inoportunamente. (Barro, CLam3).

14424 **como quen asa a manteiga** *loc. adv.* [Actuar] de forma disparatada. (Porr1).

14425 **como se cantase un carro** *loc. adv.* Con indiferenza, non facendo caso do que se está oíndo, manténdose alleo ó que din os demais ou o que o rodea. Equivale ó cast. *como si lloviera*. (ERG).

14426 **como se rousase un carro** *loc. adv.* Ver COMO SE CANTASE UN CARRO /14425. (ERG).

14427 **con máis calma que un boi de Laíño** *loc. adv.* Lentamente, calmosamente, de vagar. Ver SER COMA O BOI DE LAÍÑO /14320. LF:113: *con máis calma que boi de Laíño*. (AI, LF).

14428 **na hora das leiteiras** *loc. adv.* Ó abri-lo día. *Pedro métese no tren. O tren métese na noite, e cando Pedro chega ó seu destino aínda debe percorrer a pé cinco légoas compridas. Anda, anda, e no remate dunha noite de andadura entra pola porta da cibdade na hora das leiteiras*. (CAS1: *Os dous de sempre*, 390).

14429 **ó paso de boi** *loc. adv.* Ver A PASO DE BOI /14421. (ERG).

14430 **paseniño como o boi de Laíño** *loc. adv.* Ver CON MÁIS CALMA QUE UN BOI DE LAÍÑO /14427. (VLLM:1, 1317).

14431 **todo xunto, manteiga e unto** *loc. adv.* Mesturando as cousas, complicándoas. (VLLM).

14432 **adeus, deica a Feira do Magosto** *fórm.* Fórmula de despedida ata a próxima celebración do magosto. (Parade.).

14433 **de ouro do rabo do touro** *fórm.* Fórmula tópica que expresa incredulidade sobre o feito de que algo sexa de ouro. Tamén se di: *do ouro que cagou o mouro*. (Grixó, VLLM).

14434 **de prata da que cagou a vaca** *fórm.* Fórmula tópica que expresa incredulidade sobre o feito de que algo sexa de prata. (Común).

14435 **falou a vaca e dixo *¡muu!*** *fórm.* Ver FALOU O BOI E DIXO *¡MUU!* /14436. (Común).

14436 **falou o boi e dixo *¡muu!*** *fórm.* Frase que expresa disconformidade co que acaba de dicir quen habitualmente carece de creto. Recollemos nun mesmo rexistro as diferentes formas que nos dan as nosas fontes: *¡falóu o boi, e dixo ... múu!* (ZM:109), *falóu o boi e dixo muuu* (Baiona3), *falou o boi e dixo mú* (UCA2), *¡falou o boi e dixo 'muu'!* NespeL), *falou o boi e dixo ¡Mu!* (ERG). "Habló el buey y dijo *mû*; de ahí *mugire* y *mugitus*. Yo creo que el buey dijo *bù*, de donde vino *bus, bos, buey* y *boy*; por razón de ser labiales M y B, que con facilidad se equivocan. Y por lo mismo creían los griegos que los carneros y cabras pronunciaban *bèe*, y en mi país están en que pronuncian *mèe*. Es una preciosa clave esta para salir de muchas dificultades" (FMS3:115,92). "Frase que se aplica a los necios acostumbrados a callar, y que cuando llegan a romper su silencio es sólo para decir algún disparate" (JMI:34). Recolle tamén a seguinte poesía de Juan Bautista Arriaza: "Junto a un negro buey cantaban / un ruiseñor y un canario / y en lo gracioso y lo vario / iguales los dos quedaban. *Decide la cuestión tú*, /dijo al buey el ruiseñor, / y, metiéndose a censor, habló el buey y dijo: *Mu*". (Común).

14437 **foi chegar e apor** *fórm.* Fórmula para expresa-la rapidez e facilidade con que se consegue algo. *Foi chegar e apor*: "(no pudo ser más rápido el trámite, la operación), reflejando el: llegar con la yunta a la finca y, como ya estaban esperando con el carro cargado, ponerla al carro". (Guamil).

14438 **nin boi nin vaca** *fórm.* Nin unha cousa nin outra. (LT2).

14439 **non será como un boi, será como un año** *fórm.* Fórmula de advertencia que se fai ó que esaxera no que está a contar, para pedirlle que se limite a dici-la verdade núa. (ER:117).

14440 **pobriño el, que morreu da cornada dun burro** *fórm.* Fórmula que se usa para se rir das lamentacións alleas. LT2 recólleo na forma *pobriño el, pobriña ela, que morreron da cornada dun burro*. Ver NON MORRER DE CORNADA DE BURRO /14252 (LT2).

14441 **se un quería a vaca, o outro sete reás** *fórm.* Fórmula que expresa que todos queren quitar algo de beneficio. Díxose no Grove, en xuño de 1986, elaborando as listas electorais. (Gro6).

14441b **vacas non son bois e teñen cornos os dous** *fórm.* Fórmula que se usa para pedir que o interlocutor non mesture cousas heteroxéneas. O mesmo concepto que expresa a locución *confundir allos con bugallos*. Llópiz di que o recolle en *Baltares (Coruña)*; Os Baltares é lugar de Santa María de Barbeiros, Ordes. (VLLM5).

14441c **Xosé, Xosé, vaca deitada becerro non é** *fórm.* Fórmula que se usa para pedir que o interlocutor non mesture cousas heteroxéneas que nunha observación superficial poden parecer semellantes. (CLam3).

14442 **¡a becerra toleou!** *fórm.* Fórmula para criticar unha acción allea que resulta sorprendente e disparatada. (Ctel11).

14443 **¡a navalla de Pepe non corta o queixo!** *fórm.* Ver ¡ESTACHE BOA A NAVALLA, QUE NON CORTA NIN O QUEIXO! /14467. (Tui4).

14444 **¡abre os ollos, que asan carne!** *fórm.* Fórmula de advertencia a alguén para que esperte, que espabile, ante un posible perigo. ERG escribe *Abride*...(ERG,LT2).

14445 **¡aínda está o rabo por esfolar!** *fórm.* Fórmula que advirte que aínda falta o peor ou o máis difícil. LT2 recolle as formas *esta-lo rabo por esfolar* e mais *esta-lo rabo sen esfolar*, que explica así: "dise cando queda por facer o máis duro e difícil". (Común).

14446 **¡aínda has facer aborta-las vacas!** *fórm.* Fórmula para criticar unha persoa que canta moi mal. (Antas4).

14447 **¡aínda non aprendeches a facer filetes do rabo!** *fórm.* Fórmula de menosprezo ante a opinión do inexperto. Discuten dous carniceiros se soben a carne e o de máis experiencia oponse dicindo: *O que hai é que face-las cousas mellor, que ti aínda non aprendeches a facer filetes do rabo*. (Gro12).

14448 **¡aínda non o lambeu ben a becerra!** *fórm.* Fórmula que indica que algo non está aínda ben rematadiño, ben perfecto. (Mora6).

14449 **¡ánimo, que o corno está a cocer!** *fórm. irón.* Fórmula de ánimo. (Mos).

14450 **¡aperta, corazón de manteiga!** *fórm. irón.* Fórmula con que se increpa ós nenos para que nos dean unha boa aperta. ANV:11 tradúceo así: "cíñeme con tus bracitos, amor mío". (ANV1, ZM).

14451 **¡apreta, corazón de *manteca!** *fórm.* Ver ¡APERTA, CORAZÓN DE MANTEIGA! /14450. (Grixó, Mora5).

14452 **¡apúntao na folla dunha verza e dállo á vaca!** *fórm.* Fórmula para dicir que un non pensa devolve-lo diñeiro que lle acaban de emprestar ou paga-lo que se lle pide. (Com9).

14453 **¡atinou o boi a mexar no cacho!** *fórm.* Fórmula que expresa que algo que parece difícil, ben mirado, non tiña tal dificultade. VLLM defíneo así: "Se dice cuando alguien hace un trabajo fácil ya conocido por los demás" (VLLM1:131). Véxase, con todo iso, ¡CAGOU UN BOI NA BOTELLA! /14455. Téñase en conta que unha das acepcións de *cacho* é a de corno de vaca que se utiliza para garda-la pedra de afiar; é dicir, que esta expresión emparella coa anteriormente aludida, porque cacho e botella son os dous recipientes para líquidos. Pero debe repararse tamén en que, aínda sendo estruturalmente semellantes estas fórmulas, na presente hai un terceiro significado diferente dos dous que rexistra a outra fórmula. (VLLM).

14454 **¡cagalleira, miñas vacas, herba nin vela!** *fórm.* Fórmula para criticar a quen aparenta unha riqueza que non ten. (Antas4).

14455 **¡cagou un boi na botella / nun sesto!** *fórm.* Fórmula para expresar sorpresa por algo casual. Coma *¡o meu can pillou unha mosca!*. Ver 2ª acepción de CAGA-LO BOI NA BOTELLA /14128. A var. *sesto* (por cesto) e con gheada é de Miñor3. "Exclámase para amosa-la casualidade, a chiripa dun acontecemento que se está a observar"(Forc4:42). *Unha ves caghou un boi nun sesto* (Miñor3). (Forc4, Miñor3, Mora6).

14456 **¡cagou un boi nun cabazo!** *fórm.* Ver ¡CAGOU UN BOI NA BOTELLA! /14455 e ¡ATINOU O BOI A MEXAR NO CACHO! /14453. (Antas4, LT2).

14457 **¡catro cornos para ti!** *fórm.* Fórmula de desprezo. *Ó pasar o regueiriño/ díxenche que sí, que sí,/ o regueiriño pasado/ catro cornos para tí*. (FBB2).

14458 **¡cea atrás!** *fórm.* Fórmula para facer recua-lo gando, que, dirixida a persoas, equivale a *¡non te achegues a min!*. (LT2).

14459 **¡cea os bois!** *fórm.* Fórmula de descrédito para dicirlla a alguén cando esaxera. (LT2).

14460 **¡coiro!** *fórm.* Fórmula para expresar sorpresa, admiración ou ira. Non excluímos que na súa orixe non fose un eufemismo para evita-lo castelán *¡Coño!*, xa que tamén existe a mesma alternancia entre *¡Recoño!* e *¡Recoiro!*. *¡Coiro! ¡Como se ll'han de dicir as cousas! Bote o que sea, d'unha ves* (ELP2:3,1897,13). *-Aruxo, tira outra xerriña de viño e bot'a toura que me vou, qu'estou rabeando coa présa. - Inda por riba, o viño... -Se nono queres dar, págocho eu, ¡que coiro!* (PL8). (ELP2, PL8).

14461 **¡corno!** *fórm.* Fórmula que expresa sorpresa, disgusto, contrariedade, ira. (ERG).

14462 **¡dálle atrás á vaca!** *fórm.* Ver ¡CEA OS BOIS! /14459. (LT2).

14463 **¡dálle marcha atrás á vaca!** *fórm.* Ver ¡CEA OS BOIS! /14459. (LT2).

14464 **¡deixa anda-lo carro!** *fórm.* Fórmula de indiferenza ou desentendemento, pretendendo que deixen estar a un en paz. Ver tamén DEIXAR ARA-LO GANDO /14161. (LT2).

14465 **¡encheira miñas vacas, herba nin vela!** *fórm.* Fórmula que se usa para criticar a quen aparenta unha riqueza que non ten. (Antas4).

14466 **¡enchura miñas vacas, herba nin vela!** *fórm.* Ver ¡ENCHEIRA MIÑAS VACAS, HERBA NIN VELA! /14465. (Antas4).

14467 **¡estache boa a navalla, que non corta nin o queixo!** *fórm.* Fórmula que se usa ante defectos alleos ou ante unha situación que inxenuamente outro ou un mesmo complicou; tamén cando se quere dicir que xa non hai máis que facerlle a algo, que non se pode pedir máis. As nosas fontes recollen as formas *¡estáche boa a navalla...!* (ZM:104, ERG), *estache boa a navalla* ("expresión de contrariedade") (LT2:47), *¡estache boa a navalla que non corta o queixo!* (PRIVAS). Saco y Arce explica que se usa para indicar que algo non vai ben ou que son estrañas as cousas que un acaba de oír. Cita unha ridícula orixe popular deste refrán: era o caso dun bébedo que estaba tumbado na rúa e pasou un can e lambeulle a cara. O bébedo, coidando que era o barbeiro, exclamou: *¡Está boa a navalla!*. Eladio Rodríguez recolle a forma incompleta *¡estache boa a navalla!*, coa seguinte explicación: "dícese cuando uno se encuentra metido en un atolladero o en un asunto embrollado y comprometido, de que no se sabe como salir; y equivale a las frases castellanas *¡buena la has hecho!*, *¡en buen berengenal me he metido, o nos hemos metido!*" (ERG:navalla). *¡Ándache boa a navalla* é o título e estribillo dunha poesía sen sinatura que publica *O Tio Marcos d'a Portela* e da que recollemos estes versos: *Eu namentres co-a coroza/ librándome d'a xiada,/ como non son d'os que comen/ nin d'os que friten talladas,/ y-antes que comer con eles/ quero qu'un rayo me parta,/ mentres eles botan contas/ e fan mil falcatruadas,/ eu que non quito nin poño,/ nin rey, nin roque, nin nada,/ botando as miñas contiñas/ que son as que nunca marran,/ digo contra min, con sorna:/ 'Andache boa a navalla!'* (*O Tio Marcos d'a Portela* 157, 14.12.188 4, 4-5). Carré Aldao recolle estas dúas variantes:

estache boa a navalla, e afeitábase con unha tella e *estache boa a navalla, e parecía un serrucho* (*A Nosa Terra*, 19.06.1908). (JASA, PRIVAS, ZM).

14468 **¡inda na testa che naza o que ten a miña vaca!** *fórm.* Fórmula de maldición que expresa o desexo de que lle poñan os cornos ó interlocutor. (VLLM:1, 925).

14469 **¡malas vacas te esgorríen!** *fórm.* Fórmula de desagrado antiga en Betanzos. (VLLM).

14470 **¡meu biquiño de leite!** *fórm.* Fórmula para expresar cariño a un meniño. *E Fara tiróu a nena do berce, despediuse bruscamente de Inés e marchóu pra fóra. Inés quedouse triste e esclamóu despois de cavilar un pouco. -¡Señoritas! ¡Señoritas! ¡Pra coller fillos no hai vergonza e logo pra crialos, si!... ¡Collelos cheas de amor, cheas talves de vicio e, desleigadas, ao parilos, guindades co eles aos cans! ¡Señoritas! ¡Señoritas! Dando logo un bico moi apretado ao seu pequecho, esclamóu de novo: -¡Meu filliño! ¡Meu biquiño de leite! ¡Meu pantrigo!!! E vendo que Caitán non estaba, que non chegaría hasta a noite, dixo, falando consigo misma: -Teño leite, gracias a Dios, demáis; podo criar dous fillos; Caitán é bó, inda mellor que eu; falaremos á noite ambos e con que el queira, que ha de querer, se a nena entra na incrusa hoxe, eu a tirarei de alí mañán*. (MVN3:47).

14471 **¡moita manteiga ós bois de Caldelas!** *fórm. irón.* Fórmula para critica-los que son moi interesados. (VLLM).

14472 **¡moscou! ¡é a présa!** *fórm.* Fórmula que se usa cando alguén marcha fuxindo dun lugar, por semellanza coas vacas, cando moscan. (ZM).

14473 **¡nin a vermella que os delamba!** *fórm.* Fórmula que expresa: 1. admiración polo éxito alleo (equivalente a *¡Que sorte tiveron, que ben lles saíu!*); 2. crítica pola fachenda allea (equivalente a *¡Va que son relambidos, non é para tanto, moita fachenda teñen!*). Esta fórmula fundaméntase en que as vacas lamben as crías, de xeito que en media hora quítanlle toda a sucidade que manchou os becerros durante o parto (esterco, palla, secrecións vaxinais, mucosidades etc.) e a cría queda limpa e lustrosa, coma unha moza ou mozo que se acicala para ir a unha festa: e o feito convértese en metáfora de estar moi ben coidado. Por outra banda, as *vacas do país* en Carballedo (Lugo) eran vermellas, como logo as suízas foron *pintas*, así que literalmente esta fórmula vén ser algo parecido a *¡Nin que os lambera a vaca!* (Carte.).

14474 **¡non durmas que xa pasaron as leiteiras!** *fórm.* Fórmula para esixir que se erga da cama unha persoa que ten o costume de durmir a deshora. (Sang1).

14475 **¡non me falar de bois, que da feira veño!** *fórm.* Fórmula para manifestar que un ten experiencia do que lle están a falar e, polo tanto, non precisa explicacións nin consellos. (VLLM4).

14476 **¡non tórza-lo carro!** *fórm.* Fórmula para advertir a alguén que está esaxerando moito. (LT2).

14477 **¡nunca á feira vaia que máis mal me saia!** *fórm.* Ver ¡NUNCA Á FEIRA VAIA QUE MÁIS PERDA! /14478. ERG: *a feira, salla*. (ERG).

14478 **¡nunca á feira vaia que máis perda!** *fórm.* Fórmula para expresar que a feira (ou un negocio calquera) resultou ó final economicamente ben, a pesar das dificultades. Tamén pode entenderse como fórmula para autoconsolarse tras un mal negocio que aínda puido saír peor. UCA2: *â feira, mais*. (UCA2, VS).

14479 **¡nunca boi berrou por becerro!** *fórm.* Fórmula coa que unha muller expresa o sentimento de que só as nais senten e padecen polos fillos. *A nai esperou á madrugada a que viñera o fillo e o pai botouse a durmir. ¡Nunca boi berrou por becerro!* (Cod4).

14480 **¡nunca vaia á feira que máis perda!** *fórm.* Ver ¡NUNCA Á FEIRA VAIA QUE MÁIS PERDA! /14478. Os tres informantes recólleno como refrán. XTC4 recólleo de Eladio Rodríguez. ERG: *a feira*; VS: *vaya, mais*. (ERG, VS, XTC4).

14481 **¡ollo ó lume, que asan carne!** *fórm.* Ver ¡ABRE OS OLLOS, QUE ASAN CARNE! /14444. (ERG).

14482 **¡outra vaca máis no millo!** *fórm.* Fórmula de lamento por unha nova complicación nunha situación xa de por si problemática. Tamén se usa para protestar ou reprende-la persoa que repite moito unha cousa ou di unha nova parvada ou algo que non vén a conto; ou cando alguén volve dicir algo que nos desagrada; ou cando varias persoas, unha trala outra, fan mal unha cousa ou reiteran unha parvada. Cando unha vaca entra nun campo de millo, estraga a plantación e, en tornala, tamén se estraga algo, pero, se unha segunda vaca entra no campo de millo, a estragación multiplícase. Recollemos baixo a mesma entrada outras formas que dan os nosos informantes: *¡outra vaca no maínzo!* (Ferr3, ZM:191), *¡outra vaca no millo!* (Almo., Antas4, Barro, CLam3, Salc2, LT2, XER), *¡outras vacas no millo!* (ER:121), *¡outra vaca vai no millo!* (Salc2). (Común).

14483 **¡para o carro!** *fórm.* Fórmula de advertencia para deter a quen esaxera moito, está moi acalorado ou só di disparates. (Grixó, Gud5, LT2).

14484 **¡poña Deus a man no carro!** *fórm.* Fórmula de

desexo de que Deus nos axude no problema que temos ou nos protexa nunha empresa. (LT2).

14485 **¡pucha!** *fórm.* Fórmula que expresa admiración, alegría ou loanza. "*Pucha!* Interjección de alegría, v.g. *Pucha!*, *Ay da pucha!*, *Ay da puchiña!*. Es ponderar el gusto de una fruta, de un vino, de un manjar, etc. Hace casi como el *canté* afirmativo, no el *canté* optativo. Todo consiste en el retintín. En Santiago *puxa*. ¿Si de *putia*?" (FMS:399). Noutro lugar FMS di que pode proceder, por eufemismo, do castelán *ah hi de puta!*, e verbo disto escribiu uns atinados comentarios JLPT2 (128-130). Pero, aínda que for un eufemismo, o que en Galicia funciona como encubridor da palabra malsoante, que se pretende evitar, é o nome común dunha becerra e por iso o incluímos aquí. É mesmo probable que chegase a Arxentina na boca dos nosos emigrantes (o CORDE da RAE di que aparece alí a mediados do XIX). Esta exclamación xa é minoritaria pero aínda estaba viva na fin do século XX. Como testemuño de principio dese século temos esta cita de Prado Lameiro: *Se ti me demostras que é certo eso das cartas i o retrato, cedoche o posto; eu non quero tratar con certa clas de mulleres. Xes.- Las cartas, velas eiquí; y el retrato, lo mesmo. (Tirando da bulsa ambas cousas e dandollas a Mariño). La uña del pé, perdeuseme por un buraco del pantalón. Mariño.- (Enteirase das cartas e dispois devolvellas a Xes). ¡Pucha! ¡La sinvergüenza! A min dicíame o mesmo. ¡Quén o dixera...! Boeno, amigo; podeste quedar co'ela. Vas sirvido. Xes.- ¿De maneira que a tí te decía lo mesmo? Mariño.- Igualito. Xes.- Pois, entón, eu tampouco la quero* (PL7b:21). Pero na segunda metade do século XX lembramos terlle oído esta expresión a emigrantes retornados de Buenos Aires, aínda que simplemente como enfatizadora, como aínda aparece nun texto de Bieito Iglesias: *Hai que desvalixirse -orneou o Perón-. ¡La pucha, non podemos cargar con esta empouxa para que nos agarren na cama como a coellos! -¡Que empouxa nin que carballo! -retrucou o Entendes-. Está mancada, entendes ti, e hai que buscarlle un médico antes de que se desangre ou se lle encete a ferida* (BIA2:139). (BIA2, FMS).

14486 **¡que barbaridá! ¡pra vaca pequena, leite que dá!** *fórm.* Expresión humorística de asombro. *-Onte quixemos come-lo pulpo na feira, pero díxonos a pulpeira que había 30 persoas esperando antes ca nós. ¡Eu nunca tanta xente vira nesa feira coma onte! -¡Jasús! ¡Qué barbaridá! ¡Pra vaca pequena, leite que dá!*. (NegraG2).

14487 **¡que xente leva o meu carro!** *fórm.* Fórmula de disgusto por considerar de escasa axuda quen nos acompaña nun traballo. (Gud5).

14488 **¡quen te pariu que te lamba!** *fórm.* Fórmula para recriminar a quen está a amolar e un non quere aturalo máis, cortando a discusión con esta despedida. (LT2).

14489 **¡recoiro!** *fórm.* Fórmula que expresa sorpresa e ás veces dor por un golpe recibido inesperadamente. *Nesto mirei prá miña esquerda e vin outra pedra que estaba furada por baixo,* [...] *¡Ricoiro! ¿Que raxo é iso?* (ELP2:89). (ELP2, ERG).

14490 **¡se as queixas se volveran queixos!** *fórm.* Fórmula para reprende-las persoas que critican o que se fai pero non achegan solucións nin colaboración para conseguilo. (VS).

14491 **¡se non é boi é vaca!** *fórm.* Fórmula que critica a suposta perspicacia do que acerta dicindo a única alternativa existente. *-Era un home. -Non. -Era unha muller. -¡Home, claro, se non é boi é vaca!* (Ferr.). Gud5 recolle *si non é boi é vaca*. (Curro, Ferr., Gud5).

14492 **¡si *Dios quere e a vaca non mosca!** *fórm.* Fórmula para expresar que algo se fará ou sucederá se non hai contratempos que o home non poida impedir. A nosa fonte escribe *¡si Dios quere lla vaca non mosca!* e define como "Ter previsto facer algo, salvo contratempos". (Pentes1).

14493 **¡tá boa a navalla, que non corta o queixo!** *fórm.* Ver ¡ESTACHE BOA A NAVALLA, QUE NON CORTA NIN O QUEIXO! /14467. (Riba1).

14494 **¡tal boi me dás como vaca levas!** *fórm.* Fórmula para expresar que dúas cousas teñen valor semellante ou son equivalentes ou que é irrelevante escoller entre as dúas opcións en cuestión. A nosa fonte define como "Tal é unha cousa coma a outra". (Gud5).

14495 **¡tranquilo, que a vaca morre!** *fórm.* Fórmula pesimista para tranquilizar a alguén: non te agoníes, que isto non ten solución. (Abadín).

14496 **¡vaca, ve!** *fórm.* Fórmula de reprensión a quen con ditos ou feitos se manifesta irrespectuoso, esaxerado ou asoballante. (Ctel2).

14497 **¡vai pasta-las vacas!** *fórm.* Fórmula de expulsión de quen está a molestar, que equivale a mandarlle que marche de onda nós. (Salc1).

14498 **¡vai pastar!** *fórm. desp.* Fórmula que se refire á ignorancia dunha persoa. (Gro1).

14499 **¡vai prá corte!** *fórm.* Fórmula de rexeitamento a quen fai algo que nos desagrada e que indica mala educación (coma tal, tras un arroto) mandándolle á corte co gando. (Gro5).

14500 **¡vai tirar dun carro!** *fórm.* Fórmula para manifestar impaciencia ou fastío ante unha persoa que non razoa. (ERG, LT2).

14501 **¡voute aguillar!** *fórm.* Fórmula de advertencia de que o interlocutor vai recibir un trato máis esixente, coma *¡voute espabilar!* (Amandi).

14502 **¡xa pasaron as do leite!** *fórm.* Fórmula de estímulo que se lle di ó que non se dá erguido pola mañá. Alude a que as leiteiras que viñan das aldeas vende-lo leite a Santiago pola mañá cedo, xa pasaron. (Com2).

14503 **¡xa vendeu e vai na casa!** *fórm.* Saco recolle esta frase en Trasmil, Palas de Rei e faille o seguinte comentario: "Expresión de desenfado más tirante que *Xa que meu pai me chama burrico... eu non pedrico*" (VS4).

14504 **¡xa verás que boi terás!** *fórm.* Fórmula de advertencia que se lle fai á muller que casa. (Pesqu.).

14505 **¿a merda de boi é bosta?** *fórm.* Pregunta tópica e burlesca a quen pronuncia o sintagma *por unha aposta*. *Las preguntas más vulgares tienen una contestación burlesca, grosera casi siempre: -¿Qué dices? -Narices. -As miñas son de carne i-as tuas de perdices. -¿Quén? -O rabo da sartén que frite muy ben [...]. -¡Ah! -A primeira palabra que o burro da!. -¿É certo? - ¿Que cando o rei c... ten o c... aberto? [...] -Por unha aposta: - ¿A m... de boi é bosta?*. (Tui3:660-661).

14506 **¿a que feira irás que máis ganes?** *fórm.* Díselle a quen fixo un bo negocio. (ERG, VS).

14507 **¿fala un tolo ou canta un carro?** *fórm.* Ver ¿FALO EU OU RENXE O CARRO? /14508. (LT2).

14508 **¿falo eu ou renxe o carro?** *fórm.* Fórmula de advertencia a quen non fai caso nin presta a debida atención, requerindo maior atención. (LT2).

14509 **¿seica te lambeu a vaca?** *fórm.* Fórmula que se lle di a unha persoa que está moi guapa. (LT2).

A muller que máis promete
e xura fidelidá,
é a que máis pronto mete
os touros na vecindá. [3]

A pasar o regueiriño
díxenche que si, que si,
desde que o tuven pasado,
catro cornos para ti. [4]

A pasar o rigueiriño
díxenche que si, que si,
desde que o tiña pasado
catro cornos para ti. [5]

Ai Manuel, Manueliño,
cara de leite mazado,
leva a muller á misa
nun borriquiño pelado. [6]

¡Ai!, Manuel, meu Manueliño,
cara de leite fervido,
pensas engaña-las nenas
con faragullas de trigo. [7]

¡Ai!, Manuel, meu Manueliño,
cara de leite fervido,
queres engañar ás nenas
con curruchos de pantrigo. [8]

¡Ai, Tanucho, Tanucho, Tanucho,
tes os ósos pareces un pucho! [9]

Anda ti, cara lavada,
cara de corno candil,
pareces o meu marrau
cando foza no cubil. [10]

Anda ti, cara lavada,
cara de leite mazado,
levache a teu pai á forca
nunha burriña sin rabo. [11]

Anda ti, vaite de aí,
cara de leite callado,
que tes tan boa barriga
que leva medio ferrado. [12]

3 FSLQ2: 4. No texto: *mais, n-a vecindá*.
4 DBP:1059. No texto: *sí, qu'o*.
5 Coto2:32.
6 Lama2:95.
7 Sarria3. No texto: *ferbido*.
8 TCha:58. No texto: *pan-trigo*.
9 FBB2:188. No texto: *ôsos*; localízao en Palmeira. *Tanucho* ou *Tanuco* poden ser hipocorísticos de Alexandre.
10 AFF2:225. No texto: *tí, marráu*.
11 VLQ2:339, AFF2:224. No texto: *tí, téu pai, n-unha* (VLQ2); *tí, á teu, â forca* (AFF2).
12 JPBII:91.2. No texto: *Anda tí, váite d'ahí, tès.* Explica que o ferrado vén equivaler a uns 17 litros, se ben varía duns lugares a outros e mesmo dun cereal a outro.

Anda ti, vaite de aí,
cara de leite fervido,
que tes unha barriguiña
que leva medio cuartillo. [13]

Andivécheme rogando
i agora dás ás corneiras...
¡Probe de quen bota contas
co que no peto non teña! [14]

ntoniño, Antoniño,
cara de leite mazado,
levas a muller á misa
no borriquiño sin rabo. [15]

Antonio Pedro
cagallón de becerro
crista de galo
cirolas de cabalo. [16]

Aquelas tres ovellas
brancas e negras e tres coloradas
¿de quen elas son?
Do rico fidalgo de Soutomaior
que vai a cabalo e non leva peón,
a camisa de seda por cabezón
i o chapeu de tres cornos
en sinal de cabrón. [17]

As mociñas de Escuadra
teñen a cara de leite,
comen o caldo sen unto
e as patacas sen aceite. [18]

As mozas de San Martiño
teñen a color do leite,
comen o caldo sin unto
e as sardiñas sin aceite. [19]

As mozas do Santo arriba
tocan o pandeiro novo;
as mozas do Santo abaixo
tocan coa punta dun corno. [20]

As sete estrelas son postas,
meniña, vaite deitar,
o teu pai é rifadeiro,
túa nai vaite matar. [21]

Atrancade de arrodeo,
cubride a porta de toxos;
velaí ven o trabuqueiro
co seu tinteiro de corno. [22]

Bérrache o boi polas vacas
e as vacas polos becerros,
así fan as 'castellanas'
cando se van os 'gallegos'. [23]

Berran os bois polas vacas,
as vacas polos becerros;
así fan os 'castellanos'
cando se van os galegos. [24]

Cala e vaite calando,
cara de corno candil,
costilla de cabra vella,
barriga de tamboril. [25]

Cala e vaite calando,
cara de leite callado,
levas ó teu pai a misa
nun borriquiño sin rabo. [26]

---

13 JPBII:92.3; VLQ2:335. No texto: *Ánda tí, váite d'ahí*, *tès* (JPB); *tí, ahí, tés* (VLQ2).

14 MLP2:1, MLP3:199. No texto: *Y agora, âs corneiras, quén, co-o que n-o peto* (MLP2); *y-agora das âs corneiras*, *c'o que n-o peto* (MLP3). Leiras explica que *dar ás corneiras* quere dicir move-la cabeza dun lado a outro, como as vacas, lamentándose.

15 Morei:400. No texto: *Misa*.

16 RCI:159.

17 VD:278: no texto: *són, acabalo* (sic), *i-ô chapeu*.

18 Lama2:50. Escuadra é unha parroquia da Lama (Pontevedra)

19 ALC:281. Recollida en Corcubión.

20 LimiaB:49: *Santo arriba*, pero *Santo Abaixo*; *de un*. Xaquín Lorenzo explica que: *Dase o nome de 'Santo' a unha pequena capela que se atopa en moitos lugares de esta comarca e ainda no resto da Galiza... Por atopárense polo xeral no meio do pobo, dividen a este en dous barrios: Riba do Santo e Baixo do Santo*.

21 LimiaB:50. Xaquín Lorenzo engade: *Xa é sabido que as Sete Estrelas son as Pléiades. Chámase tamén os Seat* (sic) *Estrelos*.

22 XAM2:095.

23 Lama2:149.

24 Capela.: 207.

25 Lama2:193.

26 Lama2:193.

Cala e vaite calando,
cara de leite callado,
xa me dixo túa nai
que estabas encorreado. [27]

Cala e vaite calando,
cara de leite fervido,
xa me dixo túa nai
que tiñas o enganido. [28]

Cala ti, vaca preñada,
filla dunha empreñadeira,
andas ti máis apalpada
que os figos dunha figueira. [29]

Cala, vaite calando,
cara de leite coado,
¿quen che ha de entregar
o fillo dun home honrado? [30]

Cálate, vaite calando,
cara de corno e candil,
ollos de gata raxada
barriga de tamboril. [31]

Cálate, vaite calando,
cara de leite fervido,
que inda onte me dixeron
que tíña-lo anganido. [32]

Cando che paren os bois
no camiño, Xan de Calvo,
non os piques coa aguillada,
andaranche untando o carro. [33]

Cando os homes están solteiros
moito mel, moita manteiga,
e despois de casadiños
¡vai traballar, preguiceira! [34]

Cando por pedirche un bico
xa te pos desa maneira,
¡qué farás si che pedira
a taciña de manteica! [35]

Canta, cuco, canta, cuco,
na rabela do arado;
as mulleres antre os homes
é un gando mal gardado. [36]

Canta, cuco, canta, cuco,
na rabela do arado,
as mulleres entre os homes
é gando moi mal gardado.[37]

Canta, cuco, canta, cuco,
na rabiza do arado ...
As mulleres antre os homes
évos gando mal gardado. [38]

Canta, cuco, canta, cuco,
na rabiza do arado,
as mulleres entre os homes
é un ghado mal ghardado. [39]

Canta, galo, canta, galo,
na rabela do arado,
as mulleres entre os homes
é gado ben mal guardado. [40]

Canta o cuco, canta o cuco
na rabela do arado,
as mulleres entre os homes
éche un gado mal gardado. [41]

---

27 Lama2:193.

28 VLQ2:214, Lama2:193. No texto: *Cala, e vaite; tua* (VLQ2).

29 Lama2:193.

30 VLQ2:340; no texto: *váite, de un*.

31 Coto2:38.

32 VD:283; no texto: *tíñal-o*.

33 An5: 6. No texto: *n-o, non-os, co-a, andaránche*.

34 Rois:27. No texto: *despóis*. Comunicado por Barreiro (Hermedelo, Rois, A Coruña).

35 XAB3:45. Pola evidente similitude, copiamos este fragmento dun parrafeo que recolle SCHU: *Por un beso que che pido/ xa te pós tan enfadada/ qué será si te pedir'/ o que levas con tanta gracia* (SCHU5/2/75a).

36 Coto2:39, LimiaB:216. Xaquín Lorenzo recolle esta variante a outras cantigas semellantes que non copiamos por non ter que ver co tema que nos interesa, pero que demostran que os dous primeiros versos serven como elementos comúns –tópicos- para situacións diferentes, con leves variantes: *Canta (a) rula, canta (a) rula...* ou *Canta (o) cuco, canta (o) cuco...* (LimiaB:56-058).

37 Corme1:466. No texto: *canta cuco, canta cuco*. Os dous últimos versos desta cantiga recólleos Xaquín Lorenzo como refrán: *As mulleres entre os homes éche un gado mal gardado* (XLF2:21).

38 Tea:45. No texto: *hevos*.

39 SCHU6/2/1295b; no texto: *entr'os homes, e un ghado*.

40 Gud8:92. No texto: *e gado*.

41 SCHU6/2/1295a; no texto: *entr'os homes, éch'un gado*.

Canta, rula, canta, rula,
na teiruga do arado,
as mulleres entre os homes
é un gado mal coidado. [42]

Canta, rula, canta, rula,
por riba de aquil balado,
as mulleres antre os homes
é un gado mal gardado. [43]

Cara de leite callado
xa me dixo túa nai
que ías dormir ó faiado. [44]

Cara de leite coado,
o que ma min amolare
ha de salir amolado. [45]

Cara de leite coado,
o que me queira amolar
ten que saír amolado. [46]

Cara de leite fervido,
cara de leite asorado,
enriba do teu bandullo
hei baila-lo pateado.
Non me bóte-las areas
nin as pedras recortadas.
Ben sabes que non te quero,
non me síga-las pasadas. [47]

Cara de leite fervido,
cara de leite asorado,
es capás ti de luxar
a cara dun home honrado. [48]

Cara de leite fervido,
cara de leite coado,
hanche de da-las azoutas
no convento de Sobrado. [49]

Cara de leite fervido,
cara de leite coado,
¿quen che ha de entregar a ti
a filla dun home honrado? [50]

Cara de leite fervido,
cara de leite coado,
viñéchesme avergonzare
ó convento de Sobrado. [51]

Cara de leite fervido,
cara de pan balorento,
túa nai anda dicindo
que lle comen o formento. [52]

Cara de leite fervido,
cara de pan balorento,
anda túa nai decendo
que lle cóme-lo formento. [53]

Cara de leite fervido,
ha de salir amolado
o que se meta conmigo. [54]

Cara de leite fervido,
inda me dixeron onte
que comeras teu pai vivo. [55]

Cara de leite fervido,
vaite onde D. Serafín
que che saque o enganido. [56]

Cara de leite fervido,
xa me dixo a túa nai
que tíña-lo mal cativo. [57]

---

42 TCha:122.
43 LimiaB: 058.
44 SCHU5/2/232bis. No texto: *qu'ibas*.
45 JPBIII:124.4. No texto: *m'a*. En nota explica que *coado* significa *'colado' según unos; 'coagulado' según otros*.
46 RC:168.
47 SCHU5/2/199bisl; no texto: *let'asorado* (sic). Repetida, só os primeiros catro versos, en SCHU5/2/229, onde escribe *leit'asorado*.
48 JASA:106: *d'un*. DBP:2212.
49 SCHU5/2/227.
50 RC:136, Lama2:193. No texto: *d-un* (RC); *colado* (Lama2).
51 SCHU5/2/229bis.
52 JPBII:94.11. No texto: *varolento*, *tua*.
53 LimiaB:59. No texto: *valorento*, *tua, comelo*.
54 JPBIII:124.5.
55 SCHU5/2/228.
56 Somo3. Bouza Brey explica que *Don Serafín era un médico popular*.
57 AdC2:216, SCHU5/2/230. No texto: *dixo túa nai* (SCHU); *tua nai, tiñas o mal* (AdC2). SCHU define '*mal cativo*' como *posesión diabólica*, aínda que para tódalas outras fontes consultadas designa a sífilis, por outros nomes tamén chamada *mal ruín, mal francés* ou *mal gálico* (e, noutros países, *mal español, mal napolitano, doença británica*). A *posesión diabólica* é máis habitual apoñerlla á epilepsia, coñecida en castelán tamén como *mal caduco*.

Cara de leite mazado,
cara de leite fervido,
paréce-lo noso gato
cando vén aborrecido. [58]

Catro cornos para o Norte,
catro para o vendaval,
catro pra quen me malmula,
catro pra quen me quer mal. [59]

Catro cornos para ti,
catro para a túa nai
e lévalle outros catro
ó cornicho do teu pai. [60]

Catro cornos para ti,
catro para túa nai;
toma, lévalle estes catro
ó cornudo de teu pai. [61]

Cheguei á fía atruxando
e quixen botar por ela,
e puxéronme o lombiño
moliño como a manteiga. [62]

Corazón de manteiga,
nunca eu te perdera;
nin aquí nin aí
¡pero nunca sen ti! [63]

*Creo en *Dios-Padre*
*no Señor *mío-Jesucristo*
pra comer ando listo,
**Dios-y-hombre-verdadero,*
traballar non quero,
*por ser Vos *quien-sois,*
que traballen os bois,
....
*por *su-bondad-infinita,*
o grau é pras pitas. [64]

Dicen que fas como os carros
que, non os untando, cantan;
¡heite untar, así eu medre!
pero ha de ser coa aguillada. [65]

Dous mozos daquel lugar
fixeron dous estrumentos,
que a tocalos coas maus
berraban como becerros. [66]

Dúrmete, meu neno,
que vén o tourón
e come ao meniño
do meu curazón. [67]

Ela sal cas compañeiras
i ó home ponlle os cornos
porque el está cheo de traballo
e non atende ós negocios. [68]

En el medio de la mare
con pavor se balansea
los toros bravos se amansan
y el amor firme falseia. [69]

En Sampaio habitaba
un matrimonio casado
como eran pobres na casa
o home foi a ghañalo
deixou a muller na casa
pensando que lle era honrada
i el está en Buenos Aires
in a muller anda preñada
i os veciños ó ver iso
fixéronlle a cornetada

---

58 TCha:23. No texto: *parécelo, ven.*

59 DBP:1511. No texto: *par'o*.

60 Lama2:193.

61 DBP:1055.

62 MLP3:151, VLQ2:380. No texto: *â fía*, *com'a manteiga* (MLP3); *cheguéi a fía* (VLQ2). *A fía* é o lugar onde se fía o liño.

63 RCI:92.

64 TCha: 116.

65 MLP2:8, MLP3:217, XLF3:54. No texto: *com'os carros, qué, non-os, Y-heite de untar, co a aguillada* (MLP2); *fás, nonos, heite de untar* (XLF3).

66 XAB3:26, VG:16.03.1991. Esta cuarteta forma parte dun *Cantar de cego* que se atopa no Museo de Pontevedra e que data de ó redor de 1870. Titulado *O bo casamento do tío Naranxo coa tía María*, relata a desventurada voda entre un vello e unha moza. Coñecemos outra versión do mesmo cantar, que publica Xaquín Lorenzo no *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, baixo o título *Coplas do tío Laranxo*, pero non fai ningunha mención ó campo semántico que nos ocupa.

67 LimiaB:73. No texto: *ven*.

68 SCHU6/2/2317. Fragmento dun logo cantar no que sucesivamente vai poñendo a caldo ás mulleres solteiras, ás casadas e, finalmente, ós homes.

69 SCHU6/2/411.

puxéronlle a Carcabela
porque xa non era honrada
i a el tamén lle puxeron
todo o mundo está asombrado
o Can de muitos vacíos
porque está mui aghalghado. [70]

Eres blanca coma o leite,
colorada como a pez,
tes a cintura de boi,
cara de macho francés. [71]

Eres blanca coma o leite,
negra coma a parañeira,
teste que casar de noite,
de día non hai quen te queira. [72]

Eres blanca como o leite,
e roxa como o coral,
delgadiña da cintura
como a palmeira real. [73]

Eres branca como o leite,
colorada como o trigo;
se te non levan de noite,
de día non tes perigo. [74]

Eres branca como o leite,
vermella como o coral,
delgadiña da cintura
como unha dama real. [75]

Es tan branca como leite,
colorada como trigo;
se non te rouban de noite
de día non tes peligro. [76]

Eu ben vin esta-lo cuco
na rabela do arado;
as mulleres entre os homes
son gado mal reparado. [77]

Garda o pradiño que levas
e gárdao ben, noite e día,
que, si unha volta che furtan,
hanche pace-la outonía. [78]

...ghotas de Monfero
teñen as trenzas no pelo
debaixo daquelas trenzas
un pollo como un becerro. [79]

Ímonos de aquí agora,
ímonos de aquí que é día;
vai o carro das estrelas
pró lado da travesía. [80]

Ios collois do cura vello
van nun carro cara o inferno
i a criada vai detrás
¡tó Castaño vente ó rego! [81]

Malos furunchos te coman,
cara de leite fervido,
que, anque engadaches algunha,
saliches pouco mantido. [82]

Manoliño, Manoliño,
cara de leite fervido,
queres engaña-las nenas
con rafiñas de pantrigo. [83]

...marcharon os dous prá cama
fixeron a brincadeira
cómo che son ar mulleres
se o home non está á beira
casaivos mozos casaivos
casaivos casáivor ben

---

70 SCHU4/2/59. Recollido en Salvaterra. No texto: *ll'era, fixéronll'a, puxéronll'a, tod'o, está'sombrado, porqu'está.*

71 VLQ2:341, Gud8:97. No texto: *como a leite, téis* (VLQ); *o pez, teis* (Gud8).

72 SCHU5/2/237. No texto: *com'o, téste, no'hai.* A *parañeira* é a parede de cociña contra a que se fai o lume e por iso está sempre chea de feluxe.

73 VLQ2:341. No texto: *como-o*.

74 JASA:80(cant. 311), LimiaB:75. No texto: *com'o leite, com'o trigo, peligro* (JASA); *blanca* (LimiaB).

75 VLQ2:341, DBP:3043. No texto: *blanca, bermella como-o coral* (VLQ2); *com'o, com'unha* (DBP).

76 DBP:1552.

77 MRV:75.

78 MLP3:157. Explica que *levar un prado* significa telo arrendado, e *pace-la outonía* equivale a quitarlle a alguén a moza, porlle os cornos. No texto: *pacel-a*.

79 SCHU4/2/425. No texto: *d'aquelas*. *Pollo* é piollo.

80 MRV:102.

81 SCHU4/2/704. No texto: *car'o, vent'o.*

82 JPBII:98.28, VLQ2:210. No texto: *qu'anque* (JPB); *engañaches* (VLQ2). É curioso que as dúas fontes presenten esta curiosa sinonimia: *engadaches-enganaches*, aínda que VLQ2 co castelanismo *engañaches.*

83 Zolle:216. No texto: *ferbido.*

que non vos poñen os cornos
se non encontran con quen. [84]

Meniño, fillo querido,
tesouro do curazón,
durme logo, pequeniño,
que eí che vén o tourón. [85]

Millor que a vida de solteiro
non che é a de casado;
o boi solto no potreiro
come millor que amarrado. [86]

Miña nai mandoume á herba
¡váiase ó corno o fouciño!
Ben me podía mandar
furar a pipa de viño. [87]

Nenas que casar quereis
non sabei-lo que é casar
Non puñai-lo xugo ós homes
sobre o goberno da casa
que por xanciños que sean
se a carga se fai pesada
arrenegan mui axiña
da muller que non traballa. [88]

Non teño medo dos teus ditos
nin medo do teu meigallo,
que ando cunha vacaloura,
e catro dentes de allo. [89]

Non teño medo ós teus ditos
nin medo do teu meigallo,
que ando cunha vacaloura
e catro dentes de allo. [90]

Nunca vin lebre xunguida
nin coello na arada;
déixate andar polo mundo
que has vir ó rego sin vara. [91]

Nunca vin lebres ó carro
nin coellos a labrar;
as mulleres entre os homes
son moi malas de gardar. [92]

Nunca vin lebres ó xugo
nin coellos ó arado;
as mulleres entre os homes
é gando moi mal gardado. [93]

Nunca vin lebres ó xugo
nin coellos ó arado;
as mulleres entre os homes
son un gando mal gardado. [94]

Nunca vin lebres ó xugo
nin conexos ó arado
as mulleres entre os homes
éche ghando mal ghardado. [95]

Nunca vin lebres ó xugo
nin conexos ó arado;
os mociños que hai agora
teñen a mosca no rabo. [96]

O amor cando pretende,
moito mel, moita manteiga,
e despois, desque te engaña
"busca nena quen te queira". [97]

O amor cando pretende,
muito mel, muita manteiga,
desde que logran a súa
"ora busca quen te queira". [98]

---

84 SCHU4/2/59. No texto: *s'o home*.
85 LimiaB:97. No texto: *ehí, ven*.
86 Carb-L:67.
87 VIÑO2:26. No texto: *mandóume*.
88 SCHU4/2/129.
89 Castre:34.
90 RC:90; VLQ2:213. No texto *c-unha* (RC); *os teus ditos, c'unha* (VLQ2).
91 VS dá esta cantiga coma un refrán. Carb-L:47. No texto: *por o* (VS, Carb-L), *qu'has* (VS).
92 VD:307. No texto: *ô carro, antros homes*.
93 XAB2:49, VD:307. No texto: *antre* (XAB2); *ô xugo, ô arado, antre* (VD).
94 MVN:661. No texto: *ao xugo, coenllos ao arado.*
95 SCHU1/2/237. No texto: *entr'os.*
96 MRV:53.
97 Zolle:220. No texto: *t'engaña.*
98 SCHU6/2/660. No texto: *cuando*.

O cura de San Mamede
vamos buscar que se mata
que ten un pelo no cúe
coma o corno dunha vaca. [99]

O home cando pretende,
moito mel, moita manteiga,
pero despois que se casa
¡seique o veu unha meiga! [100]

Ó pasar o regueiriño
díxenche que si, que si;
o regueiriño pasado,
catro cornos para ti. [101]

Ó pasa-lo regueiriño
díxenche que si, que si;
o regueiro vai pasando,
catro cornos para ti. [102]

O sabor do cornocelo
na raiz ten a dozura,
a nena que vive libre
rise de quen a marmura. [103]

O señor cura de Zanfoga
ten unha pena que o mata
naceulle un pelo no cu
coma o corno dunha vaca. [104]

Olvidácheme, olvideite,
púxenche os cornos nos ollos,
o día que me olvidaches
xa tomei amores novos. [105]

Os homes cando pretenden,
moito mel, moita manteiga,
e despois de casadiños
seica os veu unha meiga. [106]

Os Sete Estrelos son postos,
meniña, vaite deitare,
que xa cho teño sabido;
mañá hei de madrugare. [107]

Os teus xuramentos
son falas de feira
pois de min te acordas
si me tes á beira. [108]

Parrandeira, parrandeira,
que vas con uns ó mercado
e vas con outros á feira. [109]

*Pasei pola túa *puerta*
**y 'sperete un 'stantito*
que está un corno a cocere
*darémosch'un *bocadito.* [110]

Pepiño, Pepiño, Pepe,
cara de leite mazado,
a túa cara cho dice,
que es un gran desvergonzado. [111]

Pereiriña da Portela
dáme unha pera madura
pra lle dar á miña sogra
que está nos cornos da luna. [112]

Pereiriña do pé torto
dáme unha pera madura,
pra lle dar á miña sogra
que está nos cornos da luna. [113]

Pereiriña do pé torto
traime unha pera madura
pra lle dar á miña sogra
que ten os cornos da luna. [114]

---

[99] SCHU4/2/697b. No texto: *tén, com'o.*
[100] Rois:62. Bralo (Aguasantas, Rois, A Coruña). No texto: *despóis*.
[101] FBB2. Recollido en Taragoña. No texto: *sí, tí*.
[102] MRV:68.
[103] VLQ2:369.
[104] SCHU4/2/697a. No texto: *tén, naceull'un, com'o.*
[105] SCHU6/2/721a. No texto: *púxench'os, m'olvidaches*.
[106] VLQ2:212, DBP:1778. No texto: *muita mel, seica os ven* (sic) (VLQ2); *pertenden, seiqu'os ve algunha* (DBP).
[107] LimiaB:126.
[108] JBS: 6. No texto: *t'acordas, tés, veira*.
[109] Lama2:195. RC:170.
[110] SCHU6/2/1012.
[111] JASA:117 (Cant 762): *a tua cara ch'o dice, qu'es.* DBP:2287.
[112] Lama2:176.
[113] Zolle:221, SCHU6/2/1432c, DBP:1676. No texto: *pe torto, dam'unha, qu'está* (Zolle); *dám'unha, que ta* (SCHU); *dám'unha, qu'anda* (DBP).
[114] SCHU6/2/1432b. No texto: *traim'unha, tén.*

¡Probe Marcos da Portela!
Traballas coma un escravo
tirando, o mesmo que un boi,
da pacencia polo carro. [115]

... que foi cando se xuntaron – un
batallón de gaiteiros
de mulleres e rapaces – dos lugares
forasteiros
os mozos daquel lugar - saliron cos
instrumentos
e a tocalos coas maus – berraban
como becerros. [116]

Quen me dera un ovo cru
pra fretir en aceite,
pra lle dar a ese lambón
que ten a cara do leite. [117]

Res que na feira sempre anda
e moza mui festexeira,
será cousa de milagro
que algún defeuto non teñan. [118]

San Amaro da Portela
ten unha pipa ó torno:
que as mulleres beban viño
i os homes beban un corno. [119]

Se souberan as mulleres
que cousa é a malvela,
habíana pacer todas
como o gado pace a herba. [120]

Se souperan as mulleres
que vertú ten a malvela,
habíana de pacer,
como o gando pace a herba. [121]

Seibei o meu touro bravo
antre as pernas dunha nena
e o touro dálle ó rabo
agora ri a morena. [122]

Sempre foches un badúa,
sempre andas tocando a choca,
mentras non che anden cos dentes
non has saber cala-la boca. [123]

Sobre un tapiz dua mesa
máis louro do que é o carbón
hai procesos, e un tinteiro
feito de corno de boi. [124]

Temos que comer
mesmo un boi ferrado
pra que o Carnaval
sexa ben pasado. [125]

---

[115] FN:74, 30.10.1898, 3. No texto: *com'un, ó mesmo qu'un boy, pol-o*. A revista cubana *Follas Novas* recolle estes versos na súa sección de *Cantares populares* a pesar do hipérbaton do último verso. Marcos da Portela foi un home de Monteporreiro que traballou de xornaleiro na casa do P. Sarmiento e que impresionou moito o futuro frade bieito pola súa intelixencia natural e pola riqueza da súa fala espontánea: isto aconteceu na primeira metade do século XVIII. Cando Lamas Carvajal en 1876 crea a primeira publicación periódica en galego, dálle o nome d'*O Tio Marcos d'a Portela*. Se esta cantiga era popular, como di a revista *Follas novas* da Habana en 1898, indicaría que Marcos da Portela era xa un personaxe popular pero o mérito de convertelo en arquetipo do sufrido labrego galego (que vive tirando polo carro da paciencia) sería máis de Lamas Carvajal ca do propio P. Sarmiento.

[116] SCHU4/2/10a. Fragmento dun romance do *Tío Laranxo*, recollido na Fonsagrada.

[117] Coto2:91.

[118] XBG:788. No texto: *n'a feira, sempr'anda, muy.*

[119] VIÑO2:21.

[120] LimiaB:147; VLQ2:369. No texto: *couse* (sic), *erba* (LimiaB); *Si souperan, e-a* (VLQ2). Engade Xaquín Lorenzo: *Dín que a malvela, cocida en auga, ten certas virtudes curativas; é un bo remedio nalgunhas molestias do embarazo.*
A *malvela*, herba do reste, herba redonda (*Glechoma hederacea*, cast.: *hiedra terrestre*), utilízase na medicina popular como diurética e, sobre todo, anticatarral. Font Quer recolle, entre outras, a propiedade de provocar e regula-la menstruación así como a falsa crenza -non por falsa menos estendida- de provoca-lo aborto: *Plinio le atribuía incluso virtudes abortivas, leyenda tan fuertemente arraigada en el espíritu popular que, aun actualmente, el nombre de artemisa es sinónimo de aborto, y por nada del mundo osarían muchas mujeres pedir al farmacéutico una planta que ha llegado a considerarse como símbolo de un atentado criminal* (FQ:816). Está claro que a cantiga se refire a estas especiais propiedades que poden xustifica-lo intererese que se desprende para as mulleres. A mesma misteriosa virtude que se observa noutras cantigas respecto á artemisa (*Artemisia vulgaris*), e que podemos ver nesta copla: *Si las mujeres supieran/ la virtud de la artemisa/ siempre la llevarían/ prendida de la camisa*, que tamén corre entre nós co mesmo sentido: *Se as mulleres soubesen/ a virtude da artemisa/ tragiana sempre posta/ antre o coiro e a camisa* (VD:329). Algo parecido temos lido da ruda, outra afamada herba abortiva (véxase nota en 8.7.5. *Esterilidade e infecundidade*).

[121] DBP:085. No texto: *com'o*.

[122] SCHU1/2/276a. No texto: *antr'as; io touro dá ió rabo*.

[123] VLQ2:357. No texto: *badua, co-os, non has sabel-a cata-la boca* (sic).

[124] MPR. No texto: *hay, boy*.

[125] Lama2:72.

Ten vergonza, ten vergonza,
cara de leite fervido,
inda agora me dixeron
que tiñas o enguenido. [126]

Ten vergonza, ten vergonza,
cara de leite tallado,
inda che hei mazar o lombo
co temoeiro do carro. [127]

Ten vergonza, ten vergonza,
cara de leite tallado,
levache teu pai á misa
nun burriquiño sin rabo. [128]

Tente pedra na parede,
tente terrón no valado;
detente cara de corno;
entre tanto non che falo. [129]

Teño unha herba na horta
que bota leite amarelo;
para contestar comigo
tenche as calzas pouco vuelo. [130]

Teño unha herba na horta
que bota leite marelo,
para contestar contigo,
ten a saia pouco vuelo. [131]

Teño unha herba na horta
que bota leite marelo,
para ti falar comigo
tenche o calzón pouco vuelo. [132]

Teño unha herba na ihorta
que bota leite maduro
para cuntestar conmigo
te-las urellas dun burro. [133]

Teño unha herba na ihorta
que bota leite marelo
para falares comigho
dáche a capa pouco vuelo. [134]

Teño unha herba na ihorta
que se chama violeta
debaixo do meu zapato
teño un corno que che meta. [135]

Teste ti por boa moza
e por boa costureira;
dos cornos que ten a lúa
¿farasme ti unha monteira? [136]

Vai calando, vai calando,
cara de leite fervida,
paréce-la nosa vaca,
cando está descolorida. [137]

Vai calando, vai calando,
cara de leite fervido,
queres enganar as nenas,
con faragullas de trigo. [138]

Vai calando, vai calando,
cara de leite mazado,
vai calando, vai calando,
que o teu querer é excusado. [139]

Vaite de aí, porco cuchino,
cara de leite fervido,
inda túa cara non sirve
para contestar comigo. [140]

Vaite de aí, vaite, vaite,
cara de corno candil,
fuciño de porco bravo,
barriga de tamboril. [141]

---

[126] Coto2:99.
[127] Coto2:99.
[128] Coto2:99.
[129] DBP:3073.
[130] DBP:2307. No texto: *tench'as.*
[131] Coto2:100.
[132] RCI:99.
[133] SCHU5/2/150.
[134] SCHU5/2/152. No texto: *teñ'unha, dách'a.*
[135] SCHU5/2/167.
[136] XTC1:114, ACV1:119. No texto: *tén* (XTC1). Cotarelo recolle tamén como variante: *e por moi boa costureira*.
[137] MRV:51.
[138] Parade.:320.
[139] Parade.:320.
[140] JASA:91 (cant. 437), DBP:2137. No texto: *d'ahí, tua* (JASA); *dahi* (DBP).
[141] VD:330. No texto: *váite, dahí*.

Vaite de aí, vaite, vaite,
cara de troita lambeta,
debaixo do meu zapato
teño un corno que che meta. [142]

Vámonos de aquí que é ihora
que eí vén o Carro de estrelas
por riba das Casas Novas
ai la... [143]

Vámonos de aquí que é ihora
vén o Carro das estrelas
ó largho da Feira Nova. [144]

Velaí vén o touro bravo,
velaí vén polo turreiro;
o aire levoulle a capa
e o vendaval o sombreiro. [145]

Vén a se-lo 'ayuntamento'
coma unha vaca de moitos:
ninguén a quere manter,
mais muxila queren todos. [146]

- Veña de ehí, lapadoiras,
caras de espantallos vellos,
que nos está parecendo
que están cantando cencerros.
- Cencerros sóndelo vós
que nós ben fina a temos;
pra estar falando con burros
vai ser millor que calemos. [147]

Xa pasei o río a nado
piques de perde-la vida
se eu che son o touro bravo
veño ver se andas salida. [148]

Xa que eres tan boa moza
e tan boa costureira,
di si nos cornos da lúa
ti farás unha monteira. [149]

Xuana do rego da auga
ten o andar de escarabello,
o mexar como unha vaca
e o cagar como un becerro. [150]

Vexamos agora as adiviñas.

Cen e cen fillos ten,
todos a leite mantén.
¿qué é? [151]

Cen e cen
e cen fillos ten
e a todos con leite os mantén. [152]

Cen fillos ten
e a todos a leite os mantén. [153]

Cen fillos ten
e a todos con leite mantén. [154]

Cen fillos ten
e a todos con leite os mantén. [155]

Cóceme como a vaca
e branquearei como a prata. [156]

Curral redondo,
vacas no lombo,

[142] VD:330. No texto: *dahi.*

[143] SCHU1/2/493. No texto: *d'aquí, qu'é, qu'eí, d'estrelas*. SCHU recolle tamén outra copla, en castelán, na que a constelación recibe o mesmo nome: *El día que yo nacíe/ nacieron tres cosas buenas/ nació el sol y la luna/ y el carro de las estrellas* (SCHU6/2/2239).

[144] SCHU6/2/2201a. No texto: *d'aquí, qu'é.*

[145] DBP:1398, TMP:1883,2,7, RCar:30.10.1888, JASA:134 (Cant. 964). No texto: *terreiro* (DBP); *Velay ben, pol-o, vendabal* (TMP); *Vel-ehí ven, vel-ehí ven po-lo turreiro, levoull'a, y-o* (JASA).

[146] ACF. No texto: *Ven a sel-o*.

[147] LimiaB:176. É fragmento dun *desafío*.

[148] SCHU6/2/1178. No texto: *rí'a, s'eu, s'andas.*

[149] DBP:3397. No texto: *qu'eres.*

[150] JPBIII:281.10. No texto: *d'o rego d'a auga*, *tèn*, *e o c... como un becerro* (eufemismo gráfico habitual).

[151] A figueira. Gud5:50.

[152] PM:228.121, ANV1.

[153] A figueira. PM:228, APG:278.

[154] A figueira. APG:278.

[155] A figueira. APG:278.

[156] Di o liño. VS: *blanquearei, com'a plata.* VS4 dáo como refrán en Sober: *Se queres qu'a camisa che *blanquee com'a *plata, déixaa cocer com'a vaca.*

mozo fermoso,
can rabiñoso. [157]

De riba de ti me poño
con gran aire me meneo.
Ti quédaste co leite
e eu co meu gusto me quedo. [158]

Enriba de ti me poño
e ti toda te meneas;
eu marcho levando o gusto
e ti co leite te quedas. [159]

Enriba de ti me poño,
ti, debaixo, te meneas;
eu marcho levando o gusto
e ti co leite te quedas. [160]

Nace branco coma o leite,
despois verde coma a herba,
despois rubio coma o sangue
e leva no cu unha verga. [161]

Nace branco coma o leite,
despois verde coma a herba,
e despois ten unha verga no cu
e adiviña tu. [162]

¿Que cousa é, pra adiviñar é,
que, cando vai pró monte,
leva os cornos cara á casa,
e, cando vén prá casa,
leva os cornos cara ó monte? [163]

¿Quen vai á igresia
con cornos adiante
e cornos atrás? [164]

Subinme enriba dela
que toda se menea;
eu co gusto me viñen
e ela co leite se queda. [165]

Os cornos [166]

Cando Noso Señor andaba polo mundo levaba sempre na súa compaña a dous dos seus apóstolos, o señor San Pedro e o señor San Xoán. Os apóstolos facían vida como tódolos homes e tiñan as súas mulleres. E foi do caso que a San Pedro gustáballe máis a muller de Xoán cá que el tiña; e á muller do outro el tamén lle gustaba e fixeron un apaño.

Xa levaban un tempo entendéndose e o pobre San Xoán non sabía nada. Un día San Pedro reparou que na fronte do seu compañeiro naceran dous corniños coma os dos carneiros e axiña que pasaban os días, máis lle medraban. San Pedro deu en pensar que ó mellor ó outro lle saían os cornos porque tiña pauto co demo e foille consultar o caso ó Noso Señor:

- *Mestre, ó Xan sáenlle cornos*.

E o mestre asentiu:

- *Saen*.

Non houbo máis consulta. San Pedro calou pero ós poucos días vendo que os cornos do outro cada vez eran máis grandes, foi falar outra vez co mestre:

- *E ó Xan sáenlle cornos*...

---

[157] O ceo, as estrelas, o sol e o vento. APG:131. No texto: *raviñoso.*

[158] O home collendo figos na figueira. PM:392.208.

[159] O home collendo figos na figueira. PM:392.208.

[160] O home collendo figos na figueira. PM:392.

[161] A cereixa. PM:579.

[162] A cereixa. PM:579.316.

[163] O galleto. PM:170.

[164] O bonete. PM:832.

[165] O home collendo figos na figueira. PM:392.208.

[166] XCARXM2:130. O colector engade en nota a rodapé: *Hai varias hipóteses sobre o motivo que deu orixe ó costume de chamar 'cornudos' ou 'cabróns' ós homes burlados polas propias mulleres. S. de Cobarrubias, en 'Tesoro de la lengua castellana', trata o asunto extensamente. Así, explica, pode deberse á transformación en cabrón que adoptou Mercurio para ter relacións sexuais con Penélope, esposa de Ulises; desa relación naceu, con cornos, Pan. Tamén podería deberse a que algúns pobos antigos pregoaban a desgracia do home cornudo facendo soar unha trompeta, ou un corno, no caso dos xudeus. Se cadra só se lle aplica por similitude co nome do cabrón, macho da cabra, que é, ó parecer, moi luxuriosa.*
Sexa cal sexa a orixe, hoxe en día o cornudo non ten que pasar pola vergoña á que eran sometidos antigamente en París. Montábanos nunha burra sentados do revés para levaren na man o rabo da besta, mentres a muller tiraba do ramal, e paseábano polas rúas da cidade. Neste relato dáse a explicación que faltaba: a de por que non se lle ven os cornos ós cornudos.

- *Poñerallos* [167] *algún* –respondeulle Noso Señor.
- *E poñerán* –dixo San Pedro.

E preguntoulle Xesucristo:

- *¿Entón ti que é o que queres?*
- *Pois eu quería que non se visen* –pediulle San Pedro.

E dende aquela non se ven os cornos dos casados, homes ou mulleres, cando as mulleres ou os homes teñen algún apaño.

O home que foi ó Brasil [168]

Foi ó Brasil e non tuvo suerte. Non fixo nada, e estuvo alá uns cantos anos. E a muller traballaba nunha panadería, uns de día e outros de noite. E, ó pouco, a muller saliu en estado e veu que tamén dera a luz unha neghra, e estáballe dando o peito a un fillo. E vai ela, e deullo a criar… Ela traballaba de noite e deullo a criar o neno, o fillo, á neghra. E entonces o home dixo:

- *¡Ai, pero qué moreniño se vai poñendo o rapaz!*

E díxolle ela:

- *É que lle está tomando leite da neghra e, claro, o rapaz vaise poñendo neghro.*
- *Bueno.*

E o rapaz íbase poñendo cada vez máis neghro. Cando foron onda o pai del, díxolle:

- *Bueno, xa vimos.*
- *¿A ver que me traes?*
- *Pois traemos a este rapaciño.*

E díxolle o pai:

- *¡Ai, pero éche moi moreniño! ¡Éche moi moreniño!*
- *Si, é moreno porque, claro* —díxolle ó pai o fillo— *cando deu a luz á muller marchóuselle o leite. E había alí unha neghra e, entonces, deulle peito a neghra e, claro, foise poñendo o rapaciño neghro co peito da neghra.*

E díxolle el:

- *¡Ah, xa mo parece..! que tamén cando ti naciches, á túa nai marchóuselle o leite e fun á Cañiza e comprei unha cabra e tomaches leite de cabra. E por iso saíches cornudo.*

Imos ver agora os refráns nos que boi e vaca ou as súas cousas máis que referirse a eles mesmos son metáfora doutras realidades. E, para empezar, poñeremos media ducia de cantigas que teñen inserido un refrán ou que conteñen o xermolo dun refrán, tal e como xa se viu na relación anterior naquelas que empeza por *Canta, cuco...* ou *Canta, rula...*

Boa vida é casado
pero millor é solteiro,
que <u>o boi solto no potreiro</u>
<u>come millor que amarrado</u>. [169]

Gustar, gústasme ás moreas
pero tocante a casarme
miña nai sabe un refrán:
"<u>O boi solto ben se lambe</u>". [170]

Millor que a vida de solteiro
non che é a de casado;
<u>o boi solto no potreiro</u>
<u>come millor que amarrado</u>. [171]

Non quero verzas con unto
nin nabizas con aceite,
<u>nin quero monxe-la vaca</u>
<u>e que outros beban o leite</u>. [172]

[167] No texto: *Poñerállos*.
[168] CNC:464-465. Recollido en Filgueira, Crecente, Pontevedra, de Ramón, de 82 anos de idade en 1997.
[169] VS. No texto: *qu'o boi, qu'amarrado*. VS(13025) dáo como refrán pero tamén ten aire de cantiga.
[170] RC:121. Este refrán é a moral final dun poema narrativo titulado *O boy solto...* de Aureliano J. Pereira, que se pode ler en 16.2.
[171] Carb-L:67.
[172] Salc4.

Todos me din que te deixe,
que me has de dar mala vida...

¿Onde irás, boi, que non ares,
senon á cortaduría? [173]

Abuso

Á vaca, non cansala; ao amigo, non obligalo (FBB8)
Ao carro crebado nunca lle faltan petoutos. (XLF3:60) [174]
Ao carro que está derrubado poucos lle fan caso. (XLF3:60)
De coiro alleo, boas piallas. (UCA2:42; XLF2:30; ZM:74) [175]
Do coiro alleo, boas piallas se fan. (ERG:coiro)
Do coiro che han de saír as correas, inda que ti o non creas. (ERG:coiro) [176]
Do coiro hanche de saír as correas. (ZM:85; UCA2:42) [177]
Non áte-la boca ó boi que traballa. (ERG:boca) [178]
Non lle ates a boca ó boi que anda arando. (ERG:boi)
O boi do pobre máis traballa do que come. (VLLM:1,157) [179]
O boi do pobre: o máis traballado e o que pior come. (VLLM:1,146) [180]

Administración

Si se lle ha de dar ó diaño, dáselle ó gado. (XTC4) [181]

Agricultura

Cando o trigo é louro, é o barbo coma un touro. (JASA:337; JASA2:349; JASA3:219; UCA2:28; CGP:45; EAG:39; PdM:29; FBB:223) [182]
Cando o trigo é louro, o barbo é coma un touro. (ZM:57; CGP:45) [183]
Cando o trigo está louro, o barbo é coma un touro. (ERG:trigo)
Cando o trigo xa vai mouro, está o barbo coma un touro. (CGP:45)
O barbo é coma un touro cando o trigo está louro. (ERG:barbo; CGP:46; LLB:6; XLFG)
De grañeiro a grañeiro, o tombo dun carneiro, e de pataca a pataca, o dunha vaca. (Grou) [184]

Alerta. Ver *Precaución*

Do boi manso agarda a pior cornada. (VLLM:1,140) [185]
Garda do boi por didiante, da xente por darreu e da muller por toda parte. (VLLM5) [186]
Gárdate de boi por dediante e de múa polo tras e de frade por toda parte. (VLLM:1,142) [187]

---

[173] JASA:150; Coto2:102; DBP:1393; VS. No texto: *m'has, senon* (JASA); *que non are* (sic) (Coto2); *m'has, ónde, sinón* (DBP). Saco y Arce engade en nota a rodapé: *Mi padre, porque soy malo,/ A presidio quiere echarme;/ Yo le digo: Padre mio,/ ¿Donde irá el buey que no are?* (Laf. Alcant. II, 335). O noso informante de Coto2 non utiliza signos de interrogación. Blanco Pérez (DBP) indica en nota a rodapé que recolle esta cantiga (de M. Milà y Fontanals) coa forma *che*. VS di que recolle este texto de Ricardo Caruncho (*Diario de Avisos*).

[174] Explica Xaquín Lorenzo que o refrán expresa *El desprecio por lo inútil y también la tendencia a abusar del caído*.

[175] O refrán transfire o coiro da vaca ó coiro da propia persoa: se algo queres, halo suar.

[176] ERG: *Do coiro, che han; tí.*

[177] No texto: *sair* (ZM); *sail-as* (UCA2).

[178] ERG: *átela*. Na E. Espasa (s.v. *buey*) coméntase que quen traballa ten dereito ou necesidade de alimentarse máis ca quen folga.

[179] Llópiz recólleo de V. Risco (*Notas para...,* Ourense 1954).

[180] Llópiz recólleo de J. M. Agromayor; cita o port. *O boi do pobre, moito trabalho e moita fome*.

[181] No texto: *ll'ha, o diaño, dasell'o*.

[182] No texto: *com'un* (EAG, JASA); *e louro, e o barbo* (PdM); *como* (FBB). Ver tamén nota a este mesmo refrán na epígrafe 12.3.7. *Xullo*.

[183] No texto: *como un touro* (ZM); *está coma un touro* (CGP).

[184] *Grañeiro* é o pé de millo. Este refrán parece indica-la separación recomendable entre pés de millo ou entre patacas cando se botan para que frutifiquen debidamente. Se o tombo é un chimpo, posiblemente un carneiro salte máis ca unha vaca e, polo tanto, este refrán recomendaría unha distancia maior para planta-lo millo do que para planta-las patacas.

[185] Llópiz recólleo en Cabanas do Sor (Viveiro).

[186] *Previene al hombre ingenuo de las habilidades femeninas*.

[187] Llópiz: *pol-o trás*; recólleo de C. Martínez Barbeito en Terra de Bergantiños.

Aparencias (mansos e bravos)

Becerro manso, mama a súa nai e a outras catro. (ERG:becerro) [188]
O becerriño manso mama a súa nai e a outras catro. (ERG:mamar) [189]
Xatiño manso zuga á súa nai e mais a outras catro. (VLLM:1,156) [190]
Cuxo mansiño de tódolos tetos mama. (VLLM:1,152) [191]
Pucho mansiño de todas as vacas zuga. (VLLM:1,152) [192]
Xatiña menga a tódalas vacas zuga. (VLLM:1,156) [193]
Se queres ser rico, calza de vaca e viste de fino. (ERG:rico) [194]
Xatiña brava pouco mama. (VLLM:1,156) [195]

Apetito

O boi afartado non proba bocado. (VLLM:1,146) [196]
O boi farturado/farto non proba bocado. (VLLM:1,146) [197]

Avaricia

A carne no teito e a fame no peito. (ERG:carne) [198]
A carne no teito e o corpo no leito. (ERG:carne)

Autoridade

Hastr'onde chega o carro chegan os bois. (VLLM:1,148) [199]
Onde van os carros, van os bois. (VLLM:1,148) [200]

Calidade e cantidade. Ver *Valor*

Caga máis un boi que cen anduriñas. (ERG:anduriña; XLF2:24; VS) [201]
Caga máis un boi que cen gorrións. (ZM:50)
Caga máis un boi que unha anduriña. (Camb1:47; Castre.; VG140588)
Máis caga un boi que cen anduriñas. (ERG:boi/cagar; JASA:315; Morei:370) [202]
Máis come o boi que cen anduriñas. (ERG:comer)
Máis come un boi que cen anduriñas. (ERG:boi)
Val máis a cagada dunha vaca que a de cen golondrinas. (Riba1:210) [203]
Vale máis a pegada dun boi ca de cen mosquitos. (Grou) [204]
Vale máis unha cagada de vaca que cen de anduriña. (XTC4) [205]

---

[188] ERG: *sua*. Lence Senter recólleo así: *Ô qu'é manso vaille ben. Por eso un becerro manso mama n-os tetos da sua nai e mais n-os de outras vacas* (ELS:34).

[189] ERG: *sua*.

[190] Llópiz: *â sua*; recólleo de L. Páramo no Páramo (Sarria).

[191] Llópiz: *tódal-os*; define *Cuxo* como *ternerillo mamón*. Recólleo de A. Abelaira (*Folklore de La Capela*).

[192] Llópiz recólleo en Serantellos, ó pé de Ferrol, de E. Mayobre.

[193] Llópiz define *menga* como mansa (Cf. var. *Xatiño manso ...*). Cita un refrán latino *Vir oboediens loquetur victoriam* que, no texto orixinal (Proverbios 21,28) ten o senso de *Quen saiba escoitar falará o último*; quere dicir que quen está caladiño ó abrigo do loureiro é moitas veces quen en fin de contas máis proveito tira dunha situación.

[194] A E. Espasa comenta que *aconseja preferir los géneros de mejor calidad por ser de más duración.*

[195] Llópiz explica que é porque manca á nai e esta resístese a deixarlle o ubre.

[196] Llópiz explica que neste caso *afartado* ou *farturado* significan animal que perdeu o apetito e que nin come no prado nin na corte.

[197] Recólleo de E. Fuciños en Antas (Lugo).

[198] ERG: *fame, no*.

[199] Recólleo de L.O.P en 1905; explica que o carro vai a onde quere o carreteiro.

[200] Llópiz: *ván.*

[201] No ms: *C... máis*, por eufemismo; *golondrinas*. Saco comenta que *Más influye un amigo poderoso, que muchos sin influencia; y también más vale un gran negocio que muchos pequeños*, e engade as seguintes equivalencias: E.: *Más caga un buey que cien golondrinas* (Sbarbi); C.: *Més caga un bou que sent oronelles* (Alberola).

[202] JASA: *Mais*, *ca cen*. Comenta a E. Espasa que máis ruído mete un inimigo poderoso que varios sen poder. Máis rende un único negocio grande que moitos pequenos. Claro que tampouco é malo o consello contrario: *nunca poñas tódolos ovos na mesma cesta.*

[203] Riba1: *mais, d'unha*.

[204] No texto: *mais*.

[205] XTC4: *mais*. Variantes: *Máis vale unha de varón ca cento de gorrión* (XMSH:43), *Máis val unha asnal que cento de pardal* (ZM:132).

Val máis bocado de vaca que catro de pataca. (ERG:vaca; Camb1:47; Castre.; VG140588) [206]

Circunstancias (supeditación ás)

Non hai boi nin vaca sin cornos. (XTC4) [207]
Non hai carne sen óso. (MVN2:94; AdC:31; ZM:154; ERG:carne; XTC4) [208]
Non hai subida sin baixada nin boi pelexón sin cornada. (VS)
Non se pode guiar ben o carro se non se trepa o barro. (XLF3:60) [209]
Nunca faltou un roto pra un descosido nin un corno pra un atrevido. (XTC4) [210]
O que non canta o carro, cántano as dentoiras. (XLF3:62) [211]

Circunstancias (aproveita-las)

O que está cabe da vaca, dúas veces a mama. (VLLM:1,148) [212]
O que linda a vaca, cando quer a mama. (VLLM:1,148) [213]
O que ten man da vaca, mama sempre que queira. (VLLM:1,148) [214]
Onde atan a vaca, alí pasta. (VLLM:1,148) [215]

Cobiza

A vaca da miña veciña dá máis leite cá miña (ERG:vaca; XMSM:81; XSL:48; MC:87; JASA:308; JASA2:342; JASA3:217; VS) [216].

Colaboración (necesidade da)

Un boi non fai máis que un ronsel. (VLLM:1,154) [217]
Unha roda sola non leva o carro ó monte. (XLF3:58) [218]

Consecuencias

Ao boi cólleselle polas hastas e ao home pola palabra. (VLLM:1,129) [219]
Ao boi, pola corda. (VLLM:1,129) [220]
O boi, pola corda; e o home, pola boca. (XMSH:176; ERG:boi) [221]

---

[206] Camb1: *mais*.

[207] Todo o mundo está supeditado ás circunstancias.

[208] No texto: *N'hai, sin, oso* (MVN2); *N-hai carne, hoso* (AdC); *¡Non hai carne sin oso!* (ZM); *òso* (ERG); *sin oso* (XTC4). Álvarez Blázquez (*O libro da caza*) recolleu esta cantiga: *Non hai soberbia que non caia,/ nin pega sin mancha negra,/ nin carne sin haber óso,/ nin macho sin haber femia* (XAB2:48).

[209] Para conseguir algo hai que vencer unha serie de dificultades, hai que mancharse as mans.

[210] No texto: *pr'on*.

[211] Indica que o que máis se queixa non é sempre o que fai o verdadeiro esforzo. Faino equivaler ó castelán: *Lo que ha de cantar el carro, canta la carreta*.

[212] Llópiz: *estai* (erro de hipercorrección frecuente en Llópiz), *duas*. Recólleo de A. de Topete (As Somozas, onda Ferrol), e explica que se usa en senso irónico falando da política.

[213] Llópiz recólleo de A. Núñez en Mendoia (Trives).

[214] Llópiz: *quera* (sic); recólleo en Sarria de J.M. Agromayor.

[215] Llópiz: *alín*; explica que realmente este refrán se aplica máis á cabra, porque a vaca pide lameiros amplos.

[216] Véxanse en 3.1.2. as variantes deste refrán.

[217] Llópiz: *mais*; explica que *ronsel* é aquí o rastro que van deixando as pisadas do boi; explica tamén que o refrán alude ó principio de que a colaboración mellora o esforzo individual.

[218] *Porque como nadie se puede valer por sí solo, una ayuda nos es necesaria a todos en ciertos momentos de la vida.*

[219] Llópiz: *pol-as*; di que o recolle de V. Risco en 1954. Este refrán xa existía en latín: *Cornu bos capitur, verbo ligatur homo*. A fórmula *cólleselle polas hastas* parece evidenciar que é unha adaptación galega dun refrán castelán.

[220] Llópiz: *pol-a*. Di que o recolle de *Terra de Melide*, pero realmente alí aparece o refrán completo *i-o home pol-a palabra* (Mel2:462).

[221] Tan suxeito está o home pola palabra que dá, se é honrado, coma o boi xunguido ou preso polos cornos. Moreiras Santiso (XMSH:176, n. 356) cita algúns refráns paralelos *Home parlanchín, pra todos mais non pra min*, *Nin besta de soila herba, nin home de moita verba*, *Ó can e ó paroleiro, deixalos no carreiro*. E tamén cita dúas cantigas recollidas de Ramón Cabanillas

Pra coller unha lebre
corredoiras apretadas,
pra engañar unha moza
home de poucas palabras.

Home de moita parola
gasta a forza en parolar
e nin fai todo o que di
nin tampouco di o que fai.

Véxase máis en diante, no tema *Discreción,* o refrán *Home parleiro, galego leiteiro*.

O boi, pola corda; e o home, pola palabra. (XMSH:176; Riba1:209; Mel2:462; MVN:69; MVN2:95; Viana5; VS; XTC4; XLF3:64) [222]
O boi, pola corda; e o home, pola parola. (XMSH:176)
O boi pola trela i o home pola verba. (Parade.:276)
O home, pola palabra; e o boi, pola corda. (JASA:319; DRAG; VS) [223]
Ó home, pola palabra; e ó boi, pola corda. (Lourei2; XERCG:372) [224]
O home, pola palabra; e o boi, pola corna. (UCA2:49; ERG:home; ZM:168; VS) [225]
O home, pola parola; e o boi, pola corda. (ERG:home)
O home, pola palabra; e o boi, polos cornos. (VS) [226]
Os bois, polos cornos, e os homes, polas palabras. (VS)

Consecuencias (afronta-las)

Comíchesme a carne, róeme os ósos. (EGE:114; XTC4) [227]
O que come a carne, que roia os ósos. (ERG:carne)
O que o comeu, que lle roia os ósos. (LT2:50) [228]
Quen comeu a carne, que roa o óso. (MVN2:101) [229]
Dunha vaca sai un becerro. (ERG:vaca) [230]
Quen a manteiga mesura, as maus unta. (VS) [231]
Se non araras cos meus bois, non saberías dos meus doos. (VLLM:1,152) [232]

Contraste

A boi vello, chocallo novo. (ERG:boi; ACC) [233]
Ao boi vello, chocallo novo. (VLLM:1,129) [234]
Ao boi vello, gústalle o outono novo. (Vald3) [235]
Ó boi vello, xugo novo. (ERG:boi) [236]

Demo

O demo é unha vaca e non hai quen a munxa. (Corme1:505; VS)

Descanso tralo esforzo

Festa na aldea, o gando se ensea. (Camb1:47; Castre.) [237]

---

[222] No texto: *pol-a, y-o home, pol-a* (Riba1); *pol-a, i-o home, pol-a* (Mel2); *bói pol-a, pol-a palabra* (MVN2); *O boi pol-a côrda i-o home pol-a palabra* (Viana5). MVN: *Señorito, o boi pola corda e o home pola palabra, decía meu pai; e neste sempre lle semelléi*. Saco ofrece estas equivalencias castelás: El *hombre por el verbo, y el toro por el cuerno* (R. Marín); *El hombre por la palabra y el buey por el cuerno o por la palabra* (Id.).

[223] VS: *i-o boi.*

[224] Se o home compromete a súa palabra, queda tan obrigado a cumplila e tan suxeito a ela coma o boi ó carro ou ó arado. Corresponde co cast.: *Al hombre por la palabra y al buey por el cuerno*. En Asturias: *Al home por la palabra i al boi por a corda* (XBG:480).

[225] No texto: *pol-a* (UCA2); *O home pola palabra, o boi pola corna* (ZM). VS comenta que *Enseña que el hombre queda tan atado por la palabra que da, como el buey uncido por el cuerno para tirar*, e ofrece esta equivalencia *Al buey por el cuerno (o por el asta) y al hombre por la palabra.*

[226] No texto: *i-o boi.*

[227] XTC4: *osos*.

[228] O que gozou de algo nas maduras, que o sufra tamén nas duras.

[229] MVN2: *Quén, coméu, oso.*

[230] ERG: *De unha*.

[231] Comenta Saco que é de *aplicación figurada a los que administran lo ajeno*, e ofrece as seguintes equivalencias: P.: *Quem azeite mede, as mãos unta* (Chaves), *Quem o mel trata, sempre se lhe pega* (Chaves), *Quem trás mãos na massa, sempre se lhe pega dela* (Chaves); E.: *Quien aceite mesura, las manos se unta* (R. Marín); C.: *Qui oli mesura, els dits s'unta* (Alberola).

[232] Llópiz recólleo de Mª Victoria Llópiz (*Nueva rebusca,* Ferrol 1954); explica que é o que se lle di ós intrusos que nos chegan *con zalemas al interior de nuestra casa y costumbres para luego propalarlo (*os andares da casa).

[233] Emprégase en sentido irónico, condenando ó matrimonio de idades moi diferentes: casar unha muller vella cun novo ou unha rapariga cun home vello. De Noriega copiamos esta variante: *A porta vella, caravilla nova* (ANV1:95). Corresponde a *Burra velha, albarda nova*. No texto: *velho, chocalho* (ACC).

[234] Llópiz di que o recolle de Noriega Varela *(Ref. de Foz y Ribadeo)*; engade que é irónico coma o cast. *A la vejez viruelas.*

[235] No texto: *gustalle*.

[236] Do mesmo xeito, *A burro vello, albarda nova* (ERG:burro), e, pola contra *A burro novo, aparello vello* (ERG:burro).

[237] En Cambados, *ensear* ten o significado de protexer ou garda-las barcas na enseada. Neste sentido, o refrán expresaría que o gando, nos días de festa, queda repousando na corte

Tarde ou cedo o gando vai prá corte ou pró cortello. (ERG:gando)

Desexo e engano

Quen bois perdeu, chocallos se lle antollan. (ERG:boi) [238]

Desgrazas

Cando a vella ten diñeiro non ten carne o carniceiro. (ERG:carne; XSL:60; XMSH:183) [239]
Cando o probe ten diñeiro, non ten carne o carniceiro. (ERG:diñeiro; XMSH:183) [240]

Desgrazas (sucédense)

*Cando o mar está de leite, *hasta as cabras non-o dan.* (VS) [241]
Enriba de cornos, paus. (XTC4) [242]
Morreume o boi, morreume a vaca e quedou o demo na casa. (VLLM:1,144) [243]
Un mata e outro esfola. (MVN2:102) [244]
Uns matan e outros esfolan. (ERG:matar; XAB1:42) [245]

Desgrazas (sacar proveito das)

Boi que me escornou, en boa parte me deitou. (VLLM:1,135) [246]
Boi que me turrou, en boa terra me botou. (VLLM:1,135) [247]
O boi que me acornou, ben me escarmentou. (ERG:boi)
O boi que me escapou en boa parte me deitou. (VS) [248]
O boi que me escornou, en boa parte me deitou. (ANV1:79; ANV4:17; XTC4; VS; Alla3) [249]

Deshonestidade

A conciencia era ferraña verde e comérona as vacas. (XTC4) [250]
A vergonza era verde i comeula úa vaca. (XBG:480)

Desorde

Iste mundo éche unha feira de tolos. (VLLM:2,9) [251]
Moito madruga Xan de Gadella, moito madruga e ben tarde aparella. (ERG:madrugar; XMSH:98) [252]
Moito madruga Xan da Gardela, moito madruga e tarde aparella. (ZM:138)

---

[238] Cando desexamos moito unha cousa, o propio desexo engánanos facéndonos pensar que é boa de conseguir. Tamén *Ó que os cochos lle faltan, hastra as silveiras lle roncan* (ANV1:84), que Noriega explica cun refrán latino: "*Facile invenisse credimus quod avemus*"; ou *O que perdeu as ovellas, leva a choca nas orellas* (ZM:180).

[239] Porque cando se ten unha cousa falta outra (XMSH). No texto: *tèn* (ERG); *diñeiro, non ten* (XSL).

[240] ERG: *tèn*.

[241] Refrán que constata unha antítese manifesta entre as escuma branca do mar e o leite. Cando hai vendaval, o mar revólvese e bate con forza contra a costa formando así abundante escuma que cobre inmensas superficies que parecen un xigantesco tanque de leite. Diferentes gandeiros constatan que nesas circunstancias baixa a produción de leite das vacas. A explicación que nos dan é que o vento desacouga os bovinos moito máis có frío intenso. E posiblemente a iso se deba tamén o feito de que nos sesteiros ó mediodía as vacas descansan mirando cara onde vén o aire para que non lles levante o pelo. O refrán non fala da mingua da lactación das vacas pero dáa por suposto afirmando que, nesas circunstancias, nin as cabras o dan. Constatamos, a pesar de todo, un informante mariñeiro do Grove que nos di que *esta-lo mar coma o leite* é "haber calma podre".

[242] Recólleo en Feces de Cima. En castelán: *Tras cornudo, apalaeado.*

[243] Llópiz di que o recolle de Emilio Saco Brey.

[244] No texto: *esfóla*.

[245] ERG: *Us*. Este refrán tanto se pode referir ó gando vacún coma ó porcino.

[246] Llópiz di que é da fala dos Vaqueiros de Alzada. Por veces o que parece desgraza chega a ser principio de boa sorte.

[247] Llópiz recólleo de prof. Marcellán.

[248] Equivalencia latina (ms4): *Ex malo bonum*. VS probablemente tiña diante a nota de ANV1:79 que aparece no refrán seguinte.

[249] No texto: *m'escornou* (ANV1 e XTC4); *boy, m'escornóu, deitóu* (ANV4); *escorneou* (Alla3). Engade Noriega (ANV1:79) a equivalencia latina: *ex malo bonum*, é dicir, que por veces dun mal sacamos proveito. Saco dá estas equivalencias: P.: *Boi que me escornou, em boa parte me deitou* (Chaves), E.: *El buey que me acorneó, en buen lugar me echó* (Sbarbi).

[250] Tamén de Chivite este paralelo: *A conciencia é verde e comeuna un burro.*

[251] Llópiz: *eiche*; afirma que aparece como pé dun debuxo de Castelao.

[252] XMSH comenta que Xan das Guedellas é personificación do home preguiceiro, porque para el o refrán significa o mesmo que o castelán *No por mucho madrugar, amanece más temprano*.

Muito madruga Xan da Guedella, muito madruga e tarde aparella. (TCha:25) [253]
Xan da Guedella, muito madruga e tarde aparella. (MVN7:123) [254]
Xan das Guedellas, cedo madrugas e tarde aparellas. (Carb-L:201)
Non se pode botar as campanas ó voo, nin pór os bois antes có carro. (Gud5:95)
O que é amigo de poñe-lo carro antes que os bois, o que debía facer antes, faino despois. (VS)
Xurden os chocallos primeiro que os almallos. (VLLM:1,157 bis)

Dificultades

Andar, andar, que o rabo está por esfolar. (ERG:andar) [255]
O rabo da vaca é o máis malo de esfolar. (Porr4)
O rabo da vaca sempre foi o máis malo de esfolar. (VS) [256]
Longa ten o boi a língoa, mais falar non pode. (VLLM:1,143) [257]

Dificultades (aprender a superalas)

Non hai preito que non se arregre nin corno que non se endereite. (ERG:preito)
O que anda cos bois a escurrutar deprende. (VLLM:1,148) [258]
O que cos bois anda, a turrar deprende. (VLLM:1,148)

Dificultades inesperadas Ver *Alerta* e *Precaución*

Onde menos se coida, atólanse os bois. (VLLM:1,148) [259]
Onde menos se pensa, atólase a parella. (VLLM:1,148) [260]

Discreción

Home parleiro, galego leiteiro. (VS4) [261]

Economía Ver *Fraude fiscal, Propiedade común, Publicidade enganosa, Recursos*

Cifras e cornos, quen os pon (XTC4)
Números e cornos enténdeios quen os pon. (XTC4) [262]
Os pais a xugadas e os fillos a pulgadas. (XMSH:173; ERG:pais) [263]

Economía (sector primario e secundario)

Máis val unha hora de trato que cen de traballo (ERG:trato)
Máis vale onza de trato que arroba de traballo. (XTC4) [264]
Vale máis onza de trato que arroba de traballo. (Carb-L2; Carte.; XTC4) [265]
Vale máis onza de trato que libra de traballo. (ERG:trato; XTC4; MVN2:102; Riba1:209; ZM:246; VS) [266]

---

[253] TCha: *xan*.

[254] No texto: *Jan d'a guedella mòito*

[255] *Esta-lo rabo por esfolar:* dise do asunto no que falta moito por facer e aínda o máis duro e difícil.

[256] VS recolle tamén a variante *sempre é.*

[257] Llópiz: *língoa* (sic); recólleo de M. Aviñoa en Allariz.

[258] Llópiz explica que, sg. A. Abelaira (*Monografía de la Capela*), *escurrutar* é trucar, embestir.

[259] Cremos que este refrán di que moitas veces os bois entérranse nunha lameira que non se vía e coa que non se contaba, aludindo a que as desgrazas aparecen cando menos un as espera.

[260] Llópiz recolle este e mailo anterior en Bóveda (Lugo)

[261] No texto: *gallego.* Este refrán enigmático posiblemente ridiculice a locuacidade nos homes (*home parleiro*), nos que o refraneiro adoita valorar (como se acaba de ver no tema *Consecuencias*) precisamente as poucas palabras, que son signo de discreción e de fidelidade (*home dunha palabra*) fronte á locuacidade feminina que o refraneiro parece considerar máis natural. Ser *parleiro* sería, na nosa hipótese, ser un home algo feminino e o refrán expresaríao atribuíndolle a este falabarato un oficio (as leiteiras) que tradicionalmente era exclusivo das mulleres e por iso lle chamaría *gallego leiteiro*.

[262] XTC4: *enténdellos*.

[263] XMSH: *á pulgadas*. Porque, mentres os pais traballan duro para teren e aforraren, os fillos adícanse a folgar ou a traballar ós poucos. Existe tamén o refrán contrario, referido ás diferenzas no xeito de gasta-la facenda: *Nosos pais a pulgadas e nós a brazadas* (XMSH:55).

[264] Recólleo en Baños de Molgas.

[265] O informante di que co trato se vive mellor porque dá máis. No texto: *Val* (Carb-L2); *Val, mais* (XTC4).

[266] No texto: *Val* (ERG); *mais* (XTC4 e Riba1). Saco engade o seguinte equivalente: *Más vale onza de trato que libra de trabajo* (R. Marín). Temos tamén estes paralelos: *Vale máis onza de goberno cá libra de traballo* (XMSH:162), *Val máis onza de cencia ca libra de traballo* (VS).

Vale máis unha onza de trato que unha arroba de traballo. (XTC4)

Economía (sector terciario)

Cartos a créditos pairen becerros. (VS)
Os cartos a réditos poñen becerros. (VS)

Educar

A boa becerriña coñécese de noviña. (Curro) [267]
A boa vaquiña coñécese de noviña. (Curro) [268]
De becerro verás o boi que terás. (ERG:becerro; MC:89) [269]
De pequeniña verás a vaquiña que terás. (VLLM:1,140) [270]
De pequeniña verás qué vaquiña terás (VLLM:1,140)
De pequeniño verás o boi que terás. (VLLM:1,140)
De pequeniño verás qué boi terás. (UCA2:32; JASA:312; JASA2:358; JASA3:220; MVN:443; EAG:14; PdM:10; XFV:45; ZM:77; VS) [271]
De pequeno conocerás qué boi terás. (Camb1:47; Castre.)
De pequeno verás o boi que terás. (ERG:boi; VLLM:1,140; VS)
De pequeno verás qué boi terás. (VLLM:1,140; SPP:218; VS) [272]
De pequeno verás si bo boi terás. (Salc5)
De rapaz verás qué boi terás. (VS)
De xatiña verás a vaquiña que terás. (VLLM:1,140) [273]
De xatiño verás qué boi farás. (RCI:123)
De xato verás qué boi terás. (VLLM:1,140) [274]
O boi que terás, de tenreiro o verás. (ERG:boi)
Anda a modo que é gando novo. (Blancos)

Egoísmo

Antes falte a palabra na praza que o esterco na corte. (ERG:palabra)
Dempois de morto o meu boi, non naza a herba no prado. (VLLM:1,139) [275]
Presta carro a quen ten carro. (ZM:199; XLF3:62) [276]

Emigración

Boi bravo, en terra allea faise manso. (VS) [277]
O boi bravo, en terra allea se fai manso. (VS)
O boi bravo na terra allea faise manso. (ERG:boi) [278]
Ó boi bravo trócalle o eido e vírase manso. (VLLM:1,128) [279]

---

[267] No texto: *coñócese.*

[268] No texto: *coñócese.*

[269] No texto: *ó boi* (MC). Cajaraville escribe realmente *Do becerro...*, que corriximos por semellar un erro.

[270] Recólleo de Parga Sanjurjo, *B.R.A.G.* IV.

[271] JASA e EAG: *piquiniño*.

[272] No texto: *boy* (SPP). Llópiz di que o recolle de Valladares e de Murguía pero, como vemos, Valladares dá outra forma: *De pequeniño verás qué boi terás*. Saco comenta que *las inclinaciones de las personas brotan ya desde los primeros años, y ya entonces han de empezar a enderezarse*, e ofrece as seguintes equivalencias: P.: *De pequeno verás que boi terás* (Chaves); E.: *De bueyecillo verás qué buey harás* (Sbarbi).

[273] Recólleo de V. Muñiz en Ferrol.

[274] Recólleo de Ferreras, prof. vet. no Bierzo.

[275] Llópiz: *mórto*; recólleo de M. Castro Sobrado, en Sarria (1917).

[276] Refrán de indudable egoísmo, porque aconsella facer favores só a quen poida devolvelos.

[277] VS comenta que *En ambiente extraño se procede con mayor moderación que en el propio*, e engade as seguintes equivalencias: P.: *O boi bravo na terra alheia se faz manso* (Chaves), *O boi bravo, mudando a terra, é mudado* (Chaves); E.: *El buey bravo, en tierra ajena se hace manso* (Correas).

[278] Na E. Espasa (s.v. *buey*) comenta: *En país extraño se procede con más cordura, moderación y templanza, por faltar el apoyo que se tiene en la patria.*

[279] Llópiz: *Ao*; di que o recolleu de R. Pardo Moure en Monterroso (Lugo).

O boi bravo, trocándolle a terra, é mudado. (VLLM:1,146) [280]
Ó boi bravo trócanlle a terra e vírase manso. (VLLM:1,146) [281]
Boi vello ó que se lle troca o palleiro, no novo deixa o pelexo. (VLLM:1,136) [282]

Esforzo Ver *Traballo.*

Esperanza
Se a morte non nos para o carro todos teremos un camiño andado. (XLF3:65) [283]

Experiencia
Arado rabudo i o labrador barbudo. (XTC4) [284]
O arado rabudo e o labrador barbudo. (XMSH:116; MVN2:103; ANV1:77; ANV4:17; UCA:38.18; UCA2:44 e 49; ZM:162) [285]
Boi vello, pola rilleira. (XMSH:38; Antas4; Gud5:89; VS) [286]
Cada un no que trata mata. (XTC4)
Cada un trata do que mata. (ERG:tratar; Riba1:209)
Dille a vaca ó becerro: "Ti virás por onde eu veño". (VS)
Dille a vaca ó becerro: "xa irás por donde eu veño". (SCD) [287]

Facilidade
Costa abaixo calquera boi turra. (XTC4) [288]
Deica abaixo, sin bois andan os carros. (VLLM:1,139) [289]
Pra abaixo, calquera boi turra. (ERG:abaixo; EAG:26; XLF3:62; VS) [290]
Pra baixo anda o carro sin bois. (VS) [291]
Pra baixo, calquera boi tira. (MC:94)

Falsidade
*As mulleres i-as vacas, de primeiras, sempre *engañan.* (Viana5) [292]
Xastre traballador e amores de costureira sonche contiños da feira. (XTC4) [293]

---

[280] Llópiz recólleo de J.F. Losada.

[281] Llópiz: *lle trocan* (sic), cremos que erroneamente por *trócanlle*; recólleo de R. Pardo Moure en Monterroso.

[282] Llópiz explica que ós animais domésticos, cando son vellos, non é ben cambiárlle-los andares (*adoitos*) porque se axeitan mal ós novos xeitos: boa metáfora dos perigos do desarraigo; recólleo en Abadín (Lugo). Na Enciclopedia Espasa explícase que non é ben para os vellos cambiar de clima e de alimentación, porque expoñen así a súa vida e saúde. Eladio Rodríguez dános esta variante: *A burro vello, múdalle o alimento e darache o pelexo* (ERG:burro).

[283] No texto: *pára*. Explica que *todos tenemos una misión que cumplir en la vida, aunque ésta pueda ser truncada cuando menos lo esperemos.*

[284] Ver nota a rodapé a *Boi, galludo; e boieiro, peludo*, no apartado 2.3.10.4.5. *Vacas cos cornos grandes e abertos*.

[285] Tanto Valladares como Noriega transcríbeno a seguir, como se fose un único refrán, de *Labra ben e fondo, si ques coller pan (de) abondo*. Carré faino así tamén no refraneiro que publica en *Nós* e no nº 44 d'*A Nosa Terra*, pero sepárao no nº 49.

[286] A *rilleira* é un sitio difícil nunha corredoira, e ó boi vello como tira ben élle máis fácil subir coa carga. VS presenta tres variantes: *reigueira, rigueira* e *rilleira.*

[287] Alude a que os xoves teñen que percorre-lo mesmo camiño que xa percorreron os seus maiores. No texto: *dícelle, o becerro*.

[288] No texto: *calquer*.

[289] Llópiz explica *desde aquí hacia abajo*; recólleo de M. e M. Penelas de Pontecesures.

[290] EAG: *Pra baixo*.

[291] VS ofrece tamén estoutra grafía: *¡Pra baix[o] and'o carro sin bois!*

[292] Supoñemos que este refrán, hoxe politicamente incorrecto, interpretábase no senso que dá outro refrán: o boi, para valoralo, hai que miralo por diante; e a vaca, por detrás (*O boi, velo vir; e a vaca, vela ir*). O referente á muller quizais se refira a que unha valoración fiable debe prescindir dos adobíos que ela poida poñer para unha festa (*Quen quixere boa mullere, non a busque na romería: búsquea na súa casa na roupa de cada día*).

[293] Numerosos refráns e cantigas coinciden neste tratamento despectivo ós xastres por considera-lo seu traballo moi cómodo en comparación cos labores do campo. A modo de exemplo abonda este refrán: *Sete xastres fan un home* (XTC4, que Taboada explica así: *ten orixen o refrán en que nas aldeas dedicaban a sastre o que non servía pra o campo*), ou esta cantiga: *Sete xastres fan un home/ e vintacinco un testigo./ Fan falla cento cincoenta/ para firmar un recibo* (ERG:xastre). No texto: *sastre*.

Fatalismo

O que nace pra novelo non chega a touro. (XTC4)

Ó que pon seu xugo a concello unhos lle dirán que é branco e outros lle dirán que é negro. (XTC4; ANV3; ANV4:18) [294]

Que sea pola arada, que sea pola sin arar, os demos t'han de levar (Buxán2).

Quel pola arada, quel pola sin arar, levar hala levar. (VS4) [295]

Se a cousa está de Dios, o tempo traguerá o boi ó rego. (VS) [296]

Fraude fiscal

Quen come a vaca do rei, a cen anos paga os ósos. (Par2) [297]

Quen vaca do rei come, a cen anos lle paga os ósos. (Ctel2; XFR2:21)

Grandes e pequenos

O boi come a palla e os ratos o millo. (VLLM:1,146) [298]

Gregarismo

A unde vai a choca vai a recua. (XBG:480)

Honestidade

A muller i o home honrado, polo camiño do carro. (XTC4; XLF3:63) [299]

Home cordo e boi mallado, pola carrilleira do carro. (VS)

Home cordo e boi mallado, polo camiño do carro. (VS) [300]

Home cordo e boi mallado, sempre polo camiño do carro. (VS)

O home honrado anda por o camiño do carro. (Carb-L2)

Idade

O home, cando neno, é un galo cantado, cando maior, coma un boi traballando; cando vello, coma un porco a rosmar. (XFV4b: 109)

Imprudencia

Avisade ó lobo e deixade o gando soilo. (ERG:lobo)

Indiferenza

¿Chincla o chocallo? Logo pasa o gado. (VLLM:2,90) [301]

Onde vai o chocallo vai o fato. (VLLM:2,90)

¿Sona o chocallo? Gado vén. (VLLM:2,95) [302]

¡Deita palla ao boi, Gonzalvo, deita palla ao boi! (VLLM:1,139) [303]

---

[294] No texto: *O que pon* (XTC4); *O que pón, din* (*dín*:ANV4), *qu'é, y-outros, qu'é* (ANV).

[295] Vilamane, Becerreá.

[296] No texto: *S'a.*

[297] Aplicado á declaración da renda: o mal desgravado hai que pagalo ó final e con recargo (Ctel9) ou nunha interpretación máis ampla: *Ninguén as faga, que tarde ou cedo todas se pagan* (AdC:28). Na E. Espasa (s.v. *vaca*) coméntase que *advierte que quien ha sido poco fiel en el manejo de los caudales de los poderosos no se dé por seguro, por mucho tiempo que pase, de que no le residencien y se lo hagan pagar doblado*. Veríssimo de Mélo, no seu "Adagiário de alimentação", recolle un refrán paralelo: *Quen a galiña magra do rei come, com a gorsa há-de pagar*, porque, di el, o pobre paga sempre máis do que debe ó rico. Parécenos mal explicado: non se lle ve de onde saca a oposición pobre/rico.

[298] Llópiz: *cómese*. Estráñanos ese reflexivo que Llópiz di que recollera A. Vidal Lois na Lea (Alto Miño, Lugo 1935).

[299] XTC4: *i-o*. Xaquín Lorenzo recólleo na Mariña e explica que aconsella *hacer las cosas noblemente, a la luz del sol, sin necesidad de ocultarse.*

[300] VS: *por o*.

[301] Llópiz di que cadra co cast. *¿Nos ladran? Luego cabalgamos*.

[302] Llópiz: *gâdo ven*.

[303] Llópiz explica que equivale a dicir *fai as túas cousas e non te preocupes de máis nada*.

Inevitable

Queira, non queira, a vaca ha de ir á feira. (VS) [304]

Inexperiencia

Peguriño novo linda mal o gado. (VLLM:2,96)

Xente nova non garda o gado. (VLLM:2,96) [305]

Xente nova non garda o rego. (ZM:252; XTC4; ANV1:85) [306]

Inflexibilidade

Chámesme boi, chámesme vaca, do que son eu ninguén me saca. (VLLM:1,139) [307]

Que me chames boi, que me chames vaca, do que son eu non me asacas. (VLLM:1,152) [308]

Ingratitude

A vaca boa, que dea unha canada de leite pouco importa, si de unha patada a deborca. (VLLM:1,131) [309]

Pouco importa que encha a canada se a tira cunha patada. (VS) [310]

A vaca con vicio dá co pé na canada. (XTC4) [311]

Insensatez

É tan bobiña que troca a vaca pola sardiña. (SOBREI) [312]

Intromisión

Ó que quere saber, dáselle un corno a lamber. (Vigo2) [313]

Pra unha vaca ladra nunca faltou unha espetada. (Arzúa7) [314]

Inutilidade

No niño do can non cáte-lo pan, nin no fociño da cadela cáte-la manteiga. (FBB:228; JASA:332; JASA3:224) [315]

Liberdade

Acabramado millora pouco o gado. (VLLM:1,127) [316]

Boi ceibe ben que se lambe. (VLLM:1,133) [317]

Boi ceibe ben se lambe/ de seu se lambe. (VLLM:1,133) [318]

Boi ceibe lámbese como quere. (VLLM:1,133) [319]

---

304 Saco dános tamén estes paralelos: *Queira, non queira, a ovella vai á feira*; *Queira, que non queira, o burro ha de ir á feira.*

305 Llópiz: *gádo*. Recólleo de V. Risco (*Notas para un ref.*).

306 ANV1: *gard'o rego*.

307 Llópiz di que é contestación que dan os porfiados cando non dan o seu brazo a torcer.

308 Llópiz: *m'asacas*; recólleo do prof. ferrolán Manuel Comellas Coimbra (1909) e di que se aplica ós que se obcecan e non hai forma de os facer entrar en razón.

309 Llópiz recólleo de V. Risco (*Notas para...*, Ourense 1954). Explica que é así porque se perde o proveito todo, e engade: *Tiene este prov. un fondo moral muy sutil y quiere presentar graficamente, como una sucesión de buenas acciones, puede quedar anulada por una traición final.*

310 VS: *q'hench-a canada, c'unha patada*.

311 No texto: *da, pe*. Chama a atención a ampla representación que ten nos refraneiros a variante que reflicte esta mesma actitude desagradecida na cabra: *A cabra co vicio dá cos cornos no cu*, con lixeiras variacións pero sempre coa mesma idea.

312 No texto: *He tan, baca*.

313 Díselle a unha persoa moi curiosa.

314 Significa que as vacas que se meten no alleo crávanse nas separacións.

315 No texto: *N-o, d'o, n-o, d'a* (JASA); *cátel-o pan, cátel-a manteiga* (JASA3); *cates o, fuciño, cates a* (FBB).

316 Llópiz define *acabramado* como *res vacuna a la que se le tiene puesta la maniota para que no se escape del prado o monte donde pace*. A voz recolleuna de Martín Lázaro, prof. vet. en Pontevedra.

317 Llópiz: *ceive*; recólleo de Pérez Placer. Ademais das numerosas variantes que recollemos, tamén existe en castelán (*El buey suelto bien se lame*) e en catalán (*Bou solt se llapa tot*). Unha particularidade común do gando vacún, mantido en condicións naturais, é a de lamberse con frecuencia eles mesmos e uns ós outros, fundamentalmente con fins de limpeza pero no que tamén inflúe a existencia de sal no pelo destes animais. Ás veces, este comportamento trae como consecuencia que acaben enchendo a panza de pelos que forman unha bóla compacta que tecnicamente se coñece co nome de tricobezoar.

318 Llópiz: *ceive*; recólleo de E. Carré, pero a forma que nós atopamos neste é diferente.

319 Llópiz: *ceive*; recólleo en Monterroso de M. Villarente e sinala que cadra co cat. *Bou solt se llapa como vol*.

Boi ceibo de seu se lambe. (Vala.; VS) [320]
Boi que está solto anda ben lambido. (VLLM:1,133) [321]
Boi solto ben se lambe. (RdC:284) [322]
Boi solto de seu se delambe (VLLM:1,135)
Boi solto de seu se lambe. (Lourei2; Grou; Salc2; Rib3; XTC4; Gud.) [323]
Boi solto lámbese todo. (VLLM:1,133; ACC) [324]
O boi ceibe ben se lambe/delambe. (VLLM:1,133; IBA) [325]
O boi ceibo ben se lambe. (ERG:boi; DRAG; MC:92; VS)
O boi ceibo de seu se lambe. (VS)
O boi, de seu se lambe. (Gud5:89)
O boi na súa corte de seu se delambe. (Carte.) [326]
O boi que anda solto ben se delambe. (VLLM:1,147)
O boi que está solto, anda ben lambido/delambido. (VLLM:1,147) [327]
O boi solto ben se lambe. (UCA2:49; Baiona3; RC:121; ANV6:135; ZM:163; VS) [328]
O boi solto, de seu se lambe. (ERG:boi; XTC4; UCA2:49; EAG:22; JASA2:389; JASA3:225; XERCG:422; VS) [329]
Vaca ceiba de seu se delambe. (VS)
Boi solto de seu se desata. (XLF2:23)

Macho e femia

Turra o boi, turra a vaca, mais pode o boi coa vaca. (VLLM:1,154) [330]

Maldade

O boi ruín crece en cornos. (ERG:boi) [331]
O boi ruín escórnase folgando. (ERG:boi) [332]
O ruín boi descórnase folgando. (ERG:ruín)
O ruín boi folgando na corte s'esmouca. (VLLM:1,150) [333]
O ruín boi máncase na corte. (VLLM:1,147) [334]

---

[320] Vala: *do seu.* VS: *lame.* Dise dos solteiros.

[321] Llópiz cita a A. J. Pereira.

[322] Rosalía de Castro no seu *Conto Gallego* (RdC2:284-294) di:
- ¡Lourenzo!, debías casarte, que ó fin o tempo vai andando, os anos corren, e un probe dun home faise vello e cóbrese de pelos brancos antes de que poida ter manta na cama, e aforrar pra unha ocasión; e esto, Lourenzo, non se fai sin muller que teña man da casa e garde o diñeiro que un gana.
- Boi solto, ben se lambe.
- ¡Ó vento!, ésas sonche faladurías. Ó derradeiro, ¿pra qué os homes naceron si non é pra axuntarse cas mulleres, fillo da túa nai?
Na E. Espasa coméntase que *este refrán denota lo apreciable y grato que es ser libre*.

[323] Dise da persoa que non depende de ninguén.

[324] Llópiz: *ceive*; cita a R. Bluteau. ACC: *lambe-se*, e explica: *A liberdade de movementos e de acción é sempre maior naqueles que non están atados a unha persoa, ou a unha profesión, compromisos ou suxeitos a horarios.*

[325] Llópiz: *ceive*; recólleo de López Ferreiro *A tecedeira de Bonaval*, pero realmente nesa obra di *Boi solto, de seu se delambe* (ed. Xerais p. 95). Esta imprecisión é típica das citas de Llópiz; curiosamente, ademais, o refrán tal como aparece na obra de López Ferreiro teno Llópiz co n. 137 e non cita alí a este autor. IBA só dá a forma *lambe*. Tamén existe en Asturias: *El boi ceibe ben se lambe* (XBG:481).

[326] Ben está. Significado distinto dos semellantes *O boi solto ben se delambe*, porque aquí o que explica ese benestar é o estar no propio territorio.

[327] Llópiz recólleo de *Cousas d'aldea* de Aureliano J. Pereira.

[328] No texto: *lame* (Baiona); *solo, lame* (VS). Non nos parece segura esta anotación de Saco. Cabanillas recolle este refrán formando parte da seguinte cantiga: *Gustar, gústasme ás moreas/ pero tocante a casarme/ miña nai sabe un refrán:/ 'O boi solto ben se lambe'*. De ANV6 é esta inserción poética: "*'O boi solto ben se lambe' / penso que dir'aquel mozo, / neniña, cando lle fales / de contraer matrimonio; / mais tu, si xa non lle metes / as espitas polos ollos, / acorde comigo alega / que mellor lambe un ó outro...''*.

[329] Taboada Chivite dinos que algúns engaden: *millor se lame un ó outro*; no texto: *lame*.

[330] Llópiz recólleo en Pontecesures, de M.e M. Penelas; cita un ref. bable *Tuña'l buey, tuña la vaque pero ...lle puel buei con la vaque* (sic); e cita tamén o cast. *Cornea el buey, le responde la vaca, pero... puede el buey con la vaca.*

[331] A xente de mala caste vaise facendo máis ruín co paso dos anos.

[332] Díselle os que aparentan cansarse (ou se cansan mesmo) por pouca cousa.

[333] Llópiz explica que *esmoucarse* é tronzar un corno, escornarse; recólleo de José Mª Quiroga, sacerdote no Porriño.

[334] Llópiz: *se manca*, que corriximos por supoñer manipulación na colocación dos pronomes, non infrecuente nel. Recólleo de A. Abelaira. Mancarse é unha palabra moi xenérica que non precisa nin o lugar nin a natureza da mancadura. Llópiz coloca este refrán á par doutro que di *s'esmouca* (que ten o valor de partir un corno), de onde parece deducirse que el entendeu *mancarse* como sinónimo de *esmoucarse*. Maiormente cando os dous proceden do mesmo informante (A. Abelaira).

O ruín boi na corte folgando s'esmanca. (VLLM:1,150) [335]

Maltrato

Boi porque aras, boi porque non aras. (VS)

Meteoroloxía

Cando o carro do ceo volve o rabo ou quer amañecer ou é dia craro. (XLF3:65) [336]
Cornos ó nacente, carto crecente. (XTC1; XTC4) [337]
Estrela boeira, vaite deitar que os vosos boeiros vanse cear. (VLLM:1,142) [338]

Mocidade problemática

Anda a modo que é gando novo. (Blancos)
Mozas loucas e por casar, mal gando é de gardar. (XMSM:48)
Mozas tolas e por casar, é mal gando de gardar. (XSL:23; MRL)

Morte

Na fábrica de Furelos hai tantos coiros novos coma vellos. (VS4)[339]
No curtidoiro hai máis coiros novos que vellos. (VS4: Sober)

Muller e home

A cociñeira fai como a vaca que non come cos bois: ou come antes ou dispois. (VS)
A muller cociñeira, coma o boi, se non come antes come despois. (XMSM:83) [340]
A vaca i o boi, o que non come antes cómio despois. (TCha:92) [341]
A vaca que non coma cando os bois, come antes o despois. (VS) [342]
A vaca que non come a cando os bois, ou comeu antes ou come despois. (Camb1:47; Castre.; UCA2:25) [343]
A vaca que non come cando os bois, come antes o despois. (SCD:7)
A vaca que non come cando os bois, ou come antes ou comerá despois. (Gud5:114)
A vaca que non come cando os bois, ou come antes ou despois. (XTC4) [344]
A vaca que non come cos bois, ou come antes ou despois. (VS) [345]
A vaca que non come cos bois, ou come antes ou come despois. (JASA2:342; JASA3:217; EAG:10; EAG2:320; VS) [346]
A vaca que non come cos bois, ou comeu antes ou comerá despois. (XTC4)
A vaca que non come cos bois, ou comeu antes ou come despois. (ERG:vaca; JASA:337; FBB:220) [347]
O que non come canda os bois, come antes ou despois. (VS) [348]
O que non xanta canda os bois, ou xantou antes ou xanta despois. (EGE:52) [349]

---

[335] Llópiz recólleo de A. Abelaira; coma en casos anteriores conservámo-lo apóstrofo arcaico por parecernos que así disimula a colocación do pronome; explica que *esmancarse* é *distorsionarse un miembro, quebrarse una extremidad*.

[336] O *carro do ceo* é a Osa maior.

[337] XTC1:116: *nascente, crescente*. XTC4: *o nacente*.

[338] Llópiz explica que a *estrela boeira* é o planeta Venus; recólleo en terras de Lourenzá.

[339] VS4 explica: *La muerte no escoge*.

[340] XMSM: *senón, despois*. Lémbrese aqueloutro de Carte.: *A muller que non come canda o home, ou xa o comeu ou aínda o come*; é dicir, ela non ha quedar sen comer.

[341] TCha: *comio*; e engade: *Estes animais queren estar comendo de cotío.*

[342] VS: *nun coma cand'os bois*.

[343] UCA: *come cando os bois.*

[344] XTC4: *cand'os*.

[345] VS comenta: *Se dice de la mujer laminera, que a la hora de la comida no tiene gana*, e ofrece as seguinte equivalencias: P.: *Vaca que não come com os bois, ou comeu antes ou comerá depois. Quem não come com os bois, ou comerá antes ou comerá depois* (Chaves); E.: *La vaca que comió antes o después, no come con los bués* (Correas).

[346] No texto: *c'os, ántes* (JASA2); *despois* (JASA3); *c'os bois* (EAG); *despois* (ZM).

[347] A verdadeira intención do refrán queda evidente neste paralelo de Taboada Chivite: *A muller que non come cando o seu marido, ou pensa comer ou xa ten comido*. Tamén: *A muller que non come cando o home, ou come antes ou despois come* (XMSM:65), *A muller que non come co marido á mesa, algo pra si garda na artesa* (ZM:24). Saco cita esta copla de Fernán Caballero: *La mujer que no come/ con su marido,/ lo mejor de la olla/ se lo ha comido.*

[348] No texto: *cand'os bois*.

[349] EGE: *xantóu, despois.*

Vaca que non come canda os bois, (ou) come antes ou despois. (VS) [350]
Vaca que non come cos bois, ou comeu antes ou come despois. (VLLM:1,155) [351]
Ao que ten carro e muller non lle falta que facer. (XLF3:60)
As mulleres entre os homes éche un gado mal gardado. (XLF2: 021) [352]
Tira boi, tira vaca, tira gorda pola fraca. (Trazo) [353]

Muller (solteira)

Non está a carne no garabato por falta de gato. (ERG:carne) [354]
Solteira sin lume, vaca sin estrume. (XMSM:78)

Muller (traballo da)

A muller na casa e o home na arada. (XMSH:186; XMSM:27) [355]
A muller, que goberne a casa; e o home, a arada. (XMSM:27)
Mentras ande na eira o xugo, que ande na casa o fuso. (XSL:38; GILB:120)
Mentras ande na leira o xugo, que ande na casa o fuso. (XMSH:151; ERG:andar; XLF3:63)
Mentres o home vai a Meira, a muller queda na casa facendo a manteiga. (RCI:130)
Mentres o home vai a Meira, a muller queda na casa facendo a manteiga. (RCI:130)

Ocasión

A horta xeitosa fai a vaca ladroa. (XERCG:421) [356]
O fruto xeitoso fai o boi ladrón. (VS)
Á vaca regalada, non se lle miran os dentes. (VS4) [357]

Opinións

Cada cal di da feira como lle vai nela. (ACC) [358]
Cada un di da feira como lle vai nela. (ERG:feira; Ferr4; MRL) [359]
Cada un fala da feira como lle foi nela. (XTC4)
Cada un fala da feira como lle vai nela. (XTC4; VS)
Cada un fala da feira según lle foi nela. (ERG:feira; Riba1:209) [360]
Cada un fala da feira según lle vai nela. (XMSH:39; ZM:49; UCA2:27; VS; Camb1:96; Lourei2; Corme1:506; Salc2; JASA2:349; JASA3:218; MVN:246; Baiona3; SCD:20; Porr4) [361]
Cada un fala na feira según lle vai nela. (VS; Mel2:463) [362]
Ó que pon seu xugo a concello unhos lle dirán que é branco e outros lle dirán que é negro. (XTC4; ANV3; ANV4:18) [363]

---

[350] No texto: *cand'os, com'antes*.
[351] Llópiz: *c'os*, *o* (sic); di que xa figura en Hernán Núñez.
[352] XLF: *antre*.
[353] No texto: *ghorda, flaca*.
[354] A E. Espasa comenta así o equivalente castelán: *Se dice generalmente de las mujeres que dejan de casarse, no por falta de quien las quiera, sino por algún otro motivo.*
[355] Outras mostras do machismo frecuente no refraneiro son estes paralelos: *A dona, na casa; o home, no traballo* (XMSH:102); *O home, na leira; a muller, na lareira* (XMSH:186); *O home, na praza; a muller, na casa* (XMSH:186).
[356] Corresponde co cast. *La ocasión hace al ladrón.*
[357] VS4 di que o recolle de Enrique Porto Rey (Señoráns, Cereixo, A Estrada).
[358] Cada quen opina sobre os seus asuntos conforme o proveito que saca deles. No texto: *Cada qual diz da feira como vai nela*.
[359] Cada un conta a historia segundo a súa visión persoal. No texto: *dí* (ERG,MRL).
[360] No texto: *asegún* (ERG); *n'ela* (Riba1).
[361] No texto: *asegún* (XMSH e ZM); *n-ela* (UCA2); *seghún* (Salc2); *d'a feira, segun, n-ela* (JASA2); *d'a feira, segun, n'èla* (MVN); *asegún* (Baiona3); *segundo* (Porr4); *según vaille en ela* (SCD). Saco dá os seguintes equivalentes: P.: *Ninguém conta da feira, senão como lhe vai nela* (Chaves), *Cada qual diz da feira como lhe vai nela* (Chaves); E.: *Cada uno dice de la feria como le va en ella* (Correas); C.: *Cada ú parla de la fira segóns le va en ella* (Alberola).
[362] Mel2: *n-ela*.
[363] No texto: *O que pon* (XTC4); *O que pón, din* (*dín*:ANV4), *qu'é, y-outros, qu'é* (ANV).

Oportunidade

A vaca hai que muxila cando dá leite. (Trazo)
A vaca, ó tocarlle na ubre, leite dá. (XTC4)
O que chega tarde, nin oe misa nin come carne. (ANV1:89; Mel2:463; XTC4) [364]
O que chega tarde, non escuta misa nin come carne. (Gud5:112)
O que se ergue tarde nin oi misa nin come carne. (ERG:misa)
O que se ergue tarde nin vai á misa nin come carne. (JASA:322) [365]
Quen chega tarde nin oe misa nin come carne. (ERG:tarde; Camb1:104; XAM2:17; Riba1:210) [366]
Tempo hai de mercar e tempo de feirear. (VLLM:2,21) [367]

Patria

A vaca, onde come; e o boi, onde dorme. (EGE:58) [368]
Alí onde naces, paces. (XTC4)
Con quen paces e non con quen naces. (ERG:pacer)
Millor que onde naces, onde paces. (ERG:nacer)
Non con quen naces senón con quen paces. (ERG:nacer; ZM:150; XMSH:179; SPP:218; UCA2:47) [369]
Non é con quen naces senón con quen paces. (ERG:nacer; ZM:150)
Nun se é de unde se nace, sinón de unde se pace. (XBG:482)
O boi non onde nace, senón onde pace. (XTC4) [370]
O boi, onde nace, pace. (TCha:94)
O boi, onde pace; e o home, onde nace. (ERG:boi; VS) [371]
O home, onde nace; e o boi, onde pace. (UCA2:49; MVN:68; MVN2:99; XMSH:21; ERG:home; EAG:22; Carte.; XTC4; ZM:168; VS) [372]
Onde paces e non onde naces. (ERG:pacer)
En terra allea, a vaca ó boi cornea. (ERG:terra; XLF2:34)
En terra allea, a vaca ós bois cornea/turrea. (UCA2:43; ERG:alleo/a; ZM:99) [373]
En terra allea, astra as vacas turran dos bois. (XTC4) [374]
En terra allea, astra as vacas turran os bois. (ANV3; VS; ZM:98) [375]
Na casa allea, poden as vacas cos bois. (VS)
Na terra allea, a vaca ó boi cornea. (ERG:cornear; VLLM:1,144) [376]
Na terra allea, a vaca ó boi escornea. (VS)
Na terra allea, a vaca ó boi turra i escornea. (VLLM:1,144) [377]
Na terra allea, as vacas escornan ós bois (MVN2:94; EAG:20; VS) [378]
Na terra allea, pode a vaca co boi. (VLLM:1,145) [379]
Na terra estraña, a vaca ó boi malla. (VLLM:1,145) [380]
Na terra forasteira, poden as vacas cos bois. (VS)

---

364 ANV1: *non oye*; Mel2 e XTC4: *nin oie*.
365 No texto: *s'ergue, vai â* (JASA).
366 No texto: *oie* (Camb1 e XAM2).
367 Llópiz: *ai, témpo* no segundo caso; recólleo en Verín.
368 EGE: *durme*.
369 No texto: *con que naces* (sic) (XMSH); *senon* (UCA2).
370 XTC4: *sinon*.
371 No texto: *i o home* (ERG); *donde… onde, i-o* (VS).
372 No texto: *hòme* (MVN). VS: *donde...donde*. XMSH explica que *a calidá ven do nacemento ou da comida*. VS ofrece esta equivalencia: *El hombre, donde nace; y la mujer, donde va* (R. Marín).
373 No texto: *a os bois* (UCA2); *aos bois* (ZM). Carré e Eladio Rodríguez dan as dúas formas: *cornea* e *turrea*. Zamora Mosquera só a forma *cornea*.
374 No texto: *hastr'as*.
375 Vázquez Saco ofrece as seguintes equivalencias castelás: *En tierra ajena, la vaca al buey acornea* (Correas), *En tierra ajena la vaca al buey maja* (Correas). No texto: *hastr'as vacas* (VS); *hastra, aos* (ZM); *hastr'as, ôs bois* (ANV3).
376 Llópiz di que xa está nos trobadores do século XV.
377 Recólleo en Coristanco e Zas.
378 No texto: *n'a, escórnan, bóis* (MVN2); *n'a, tèrra, òs* (EAG).
379 Llópiz: *có*; recólleo de Xaquín Lorenzo (*Refráns de Lobeira*).
380 Llópiz: *estrana*; recólleo de G. Saavedra Ascariz; di que cadra co cast. *En tierra ajena, la vaca al toro cornea*.

Os catro que seguen non é seguro que se refiran ó gando, aínda que hai refráns nos que o boi se relaciona directamente co rego (*Boi vello de seu leva o rego*). Tamén é posible que o rego aquí non se use en senso real (aludindo á arada) senón en senso metonímico (o rego simbolizando a terra ou patria), co que o *galego* do refrán non sería un bovino senón un ser humano. Con estas cautelas citámolos.

O galego non deixa o rego. (XTC4)
O galego non perde o rego. (XTC4)
O galego nunca olvida o rego. (XTC4)
Si es galego has de vir ó rego. (Corme1:504) [381]

Perigos

Estoupa o gado co último bocado. (VLLM:2,88) [382]
Non sexas forneira se tes a cabeza de manteiga. (XMSM:35; XSL:53; ERG:forneiro; VS) [383]
O carro máis millor pódese emborcar. (ZM:164)
O millor carro pode torcer. (XLF3:61)
O millor carro pódese emborcar. (XLF3:61)

Picardía (gramática parda)

Paso de boi, dente de lobo e, de vez en cando, facer o bobo. (VS; XMSH:74) [384]
Paso de boi, dente de lobo e de vez en cando faise o tolo. (LCA3; APG:256) [385]
Pisada de boi, dente de lobo e facer moito, moito o bobo. (XTC4) [386]

Picardía dos débiles

Máis arroído fai unha ran no raeiro do que cen bois nun lameiro. (VLLM:2,1023) [387]
Por detrás chámanlle ó rei cornudo. (XTC4; XAM2:24; Tui2; Carte.) [388]
Por detrás chámanlle ao rei testudo. (ZM:202)

Pobreza e sucesión de desgrazas

A vaca do pobre ara a tódalas maus. (VS) [389]
A vaca do pobre ten que andar ás dúas maus. (VS)
A vaca do pobre ten que traballar ás dúas maus. (VS)
A vaca do pobre traballa a dúas mans. (VLLM:1,132) [390]
A vaca do probe anda a tódalas maus. (VS) [391]

---

[381] No texto: *vir o rego*.

[382] Llópiz recólleo de E. Gallán en Toques (Melide).

[383] ERG, VS. No texto: *seas, tès a cabeza* (ERG); *seas* (VS). Saco engade esta equivalencia: *No seais hornera, si tenéis la cabeza de manteca*.

[384] Saco comenta que *se pone en boca de procuradores y demás adláteres de la Curia*. Tamén Moreiras o aconsella entre procuradores.

[385] Leandro Carré explica que o que se aconsella en *paso de boi* é calma; en *dente de lobo*, ter decisión rápida para aproveitar unha oportunidade, e que en *faise o tolo* recoméndase astucia e sagacidade. Consello que soborda na súa utilidade o reducido mundo da feira e ten aplicación a moitos campos da vida empresarial e política. Tamén para os *avogados das silveiras*: *O bo preiteante, dixo Tomé: boca pechada, bulsa aberta e listo de pé* (XMSH:74: *faltriqueira*) (UCA2:49: *bon, cerrada*) (ZM:163: *bon, bolsa*).
Iribarren (JMI: 344) recolle a versión castelá deste refrán: *Paso de buey, diente de lobo y hacerse el bobo,* ó que engade estoutra variante: *Paso corto, vista larga, paciencia y mala intención, que ¡ya te llegará la ocasión!*. Tamén cita de Fernán Caballero as tres regras capitais da gramática parda: *Ver venir, dejarse ir y tenerse allá*.
APG recólleo como adiviña, e dá como solución o tratante, naturalmente.

[386] Taboada Chivite explícao como consello que dan os pais ós fillos que emigran.

[387] Llópiz: *arroido, n-un*; recólleo de L. Pintos (*Refranes relativos a animales caseros*).

[388] XTC4 e Tui2: *o rei*. Carte.: *tras, cournudo* (sic).

[389] VS: *A vaca du pobre ara a todas as maus.*

[390] Llópiz recólleo de V. Risco *(Colección de ref...* Ourense 1953) e explica que *traballar a dúas mans* quere dicir que ara, cría, dá leite e tira polo carro sen descansar nada. Pero a explicación que nos dan outros labregos é distinta: unha vaca afaise a andar só por unha man, pola esquerda ou pola dereita, poida que pola man na que a xunguiron a primeira vez; o rico, que ten moitas vacas, ten vacas que andan pola esquerda e vacas que andan pola dereita. Pero a vaca do pobre ten que andar polas dúas, pola que faga falta, sen poder manifesta-la súa preferencia.

[391] VS: *and'a*.

Vaca de probe anda a tódalas maus. (VS) [392]
Vaca de probe ten que andar a tódalas maus. (VS)
A vaca do pobre, cando ha de parir, morre. (Grou)
A vaca do probe, cando ha parir, morre. (XLF2:22; VLLM:1,132) [393]

Política municipal

O auntamento é unha gran vaca de leite: o alcalde, cóllea polos cornos; os concexales espántanlle as moscas; e o sagredario munguia. (VS4) [394]

Precaución

Nin por arrodeo nin por atallo deixa-lo camiño do carro. (XLF3:61) [395]

Precipitación

Aínda a vaca non pariu e xa lle queremos pór o vitillo ao xato. (VLLM:1,127) [396]
Inda non me deron a carne e xa me piden os ósos. (ERG:carne) [397]
Non penses na cortella antes de ter a vaca. (VS4)
Non se sabe o que pesa a carne en canto non o dá a romana. (XTC4) [398]
Non se sabe o que pesa a carne en canto non o di a romana. (MVN2:95; ZM:157) [399]
Non se sabe o que pesa a carne en canto non o día a romana. (XTC4) [400]
Non se sabe o que pesa a carne mentras non o di a romana. (ERG:carne) [401]

Preguiza

A vaca gandana por non come-lo rabo deixou come-la sanfana. (Tui2) [402]
O traballo é bo para os bois. (Porr2; Cela)

Presunción

A muller i a manteiga adóbanse prá feira. (XTC4)
Alábate, boi, que a vender te levan (UCA2:39; VS) [403]
Loubate, boi, que che a vender levan. (VLLM:1,143) [404]
Alpeira, nena, alpeira, que vas para a feira. (RCI:123) [405]

Problemas (ausencia de)

O que non xungue bois, carro non deborca. (VLLM:1,149) [406]

---

[392] VS: *todal-as maus*.

[393] Llópiz: *pobre*; recólleo de Xaquín Lorenzo *(Refranes de Lobeira*).

[394] VS4 di que o recolle no Val do Mao (O Incio).

[395] Localízao nas Mariñas. No texto: *deixalo*.

[396] Llópiz: *queremos lle pór o vitillo*. Recólleo de E. Fuciños en Antas (Lugo) e engade que o *vitillo* é *especie de bozalejo, que se pone a los terneros (xato o xatiño), para que no mamen. En sentido fig. es alusión a los que dan por realidad, lo que solo constituye una ilusión.*

[397] ERG: *òsos*.

[398] XTC4: *nono.* Recólleo do *Diccionario* de Valladares.

[399] No texto: *n'o dí* (MVN2); *dí* (ZM).

[400] XTC4: *nono dia.* Recólleo en Viveiro.

[401] ERG: *nono.*

[402] No texto: *jandana*.

[403] No texto: *á vender* (UCA2). Zamora Mosquera dános este paralelo: *Alábate, cocho, que mañán te venden* (ZM:34), e Saco estoutro: *Alábate, mantelo, que á feira te levo*.

[404] Llópiz: *Lóubate, boi, que ch'a vender levan*, e di que o recolle de Carré Aldao na rev. *A Nosa Terra* (1908), quen, como vemos, realmente dá unha forma distinta na edición do 19.5.1908.

[405] *Alpeirar* é para AO2 "hacer un trabajo" (*Alpeirouche ben agina aquel traballo*); "levantarse" (*Alpeirou agina*, "se levantó enseguida"); "marchar" (*Vou alpeirar de aquí*); "andar" (*Alpeira pronto, anda*). E para ERQ3, "salir de una enfermedad, dejar cama".

[406] Llópiz explica que a todo carreteiro lle dá a volta o carro algunha vez; recólleo en Augas Santas, preto de Allariz. Nótese a colocación das palabras co verbo ó final ó estilo latino, aínda que parece que o pedía tamén na primeira parte (**O que bois non xungue*).

Profesións

Crego na feira e mercader na ireixa, dígoche, Xan, que ben non me cheira. (VLLM:2,14) [407]

Progreso

Onte vaqueiro e hoxe cabaleiro. (ERG:vaqueiro)

Propiedade

Cada carreteiro sabe onde garda os seus bois. (VLLM:1,136) [408]

Cada labrego sabe onde garda os bois/o gando. (VLLM:1,136) [409]

Propiedade común (mal administrada)

Vaca allea, ben muxida e mal chea. (VS)

Vaca allea, mal mantida e ben muxida. (VS)

Vaca de dous donos, nin dá leite nin come grao. (SCD:89) [410]

Vaca de moitos, ben monxida e mal mantida. (SPP:279)

Vaca de moitos, ben moxida e mal mantida. (EAG:31; MVN; MVN2:102; VS) [411]

Vaca de moitos, ben munguida e mal mantida. (XLF2:68)

Vaca de moitos, ben munxida e mal mantida. (ERG:vaca)

Vaca de moitos, ben muxida e mal mantida. (XTC4; ACC; ZM:244) [412]

Vaca de moitos, cómena os lobos. (Carb-L:195; XLF2:68; Curro; VS) [413]

Publicidade enganosa

Vaca agabada, leite nos cornos. (Gud5:114)

Vaca alabada, leite nos cornos. (XTC4)

Vaca gabada, leite nos cornos. (Abelen., Laza2, Xinzo2, XTC4) [414]

Vacas gordas, leite nos cornos. (XTC4)

Vaca gabada, á feira con ela. (JASA:335) [415]

Vaca gabada, coela á feira. (VLLM:1,157) [416]

Vaca gabada, non enche a canada. (XLF2:68; Carño1; VS) [417]

Vaca gabada, non enche a canada e se a enche dá a patada. (Grou)

Vaca gabada, non enche canada. (VS) [418]

---

[407] Supoñemos que *ireixa* debe estar por *irexa* para rimar con *cheira;* é un dos refráns que aluden a que os cregos adoitan ser malos feirantes, aínda que tamén cabe interpretar que o sitio dos curas non é a feira coma o dos feirantes non é a igrexa. Véxase o apartado 10.3.2. *Limitacións eclesiásticas ás feiras.*

[408] Recólleo de L. Páramo, no Páramo (Sarria).

[409] Recólleo de E. Gallán en Toques (Melide).

[410] *El motivo es que los dos aprovechan la leche mientras que ninguno le da de comer*. No texto: *da*.

[411] Lémbrese a cantiga que recollemos neste mesmo capítulo: *Vén a se-lo ayuntamento...* MVN: *mòitos, bèn mojida*. MVN2: *bén mogida*. Vázquez Saco dános esta equivalencia castelá: *Vaca de muchos, bien ordeñada y mal alimentada* (R. Marín).

[412] O negocio con moitos participantes sempre é malo, termina por esgotarse porque todos coidan do seu. Tamén Chivite recolle esta variante coa mesma intención: *Cunca de moitos, ben lambida e mal lavada*. No texto: *¿Vaca de moitos? Ben muxida e mal mantida* (ZM).

[413] Eis refráns semellantes: *Uns por outros, a casa por varrer*; *Á casa de moitos donos nunca lle faltan pingueiras*; *Cunca de moitos, ben lambida e mal lavada*, e máis literal: *Burro de moitos, cómeno os lobos* (ERG:burro), *Besta de moitos, cómena os lobos* (XTC4) ou *Cousa de moitos, cómena os lobos* (UCA2:29). No texto: *muitos* (VS).

[414] Taboada recólleo en Vilela. Laza2 explica que se usa cando se quere dicir que a realidade non corresponde co que se conta. Xinzo2 explica que este é un dos refráns que máis se escoitan na comarca e que fai referencia a que cando antes se comerciaba co gando, especialmente coas vacas nas feiras, se alguén dicía que unha vaca era moi boa, por leiteira, despertaba as sospeitas dos compradores. Abelen. comenta este refrán así: *Dise en sentido irónico cando alguén gaba moito unha persoa que non merece tantos eloxios. 'A miña nora é moi boa, faime a comida, limpa a casa, cómprame roupa.- Si, home, si; vaca gabada leite nos cornos'.*

[415] JASA: *â feira, co'ela.*

[416] Llópiz explica que hai que aproveita-lo momento de maior aprecio para vendela ó maior prezo; recólleo de Xaquín Lorenzo *(Refranes de Lobeira)*.

[417] Carño1: *ghabada*. VS: *agavada*.

[418] VS: *agavada, henche.*

Recursos (perda de)

Boi morto, cornos que non turran/trucan/escornan. (VLLM:1,134) [419]

Recursos (coñecemento dos)

Eu ben sei con que bois aro. (MC:90)
Eu ben sei con que bois aro, e por eso vou con tento. (ERG:arar)
Eu ben sei cos bois que aro. (MC:90)

Recursos (malversación dos)

Horta mal collida e vaca mal munguida, non hai cousa máis perdida. (Grou)

Remedio disparatado

O que deixa o seu polo alleo, colle un corno e méteo no seo. (ERQ:alleo)
O que do seu fai alleo, colla un corno e métao no seo. (Cunt1).
O que é amigo de poñe-lo carro antes que os bois, o que debía facer antes, faino despois. (VS)
Por dar un couce unha vaca non se lle pode cortar a pata. (XTC4) [420]

Remedio serodio

A carro entornado nun lle faltan carrileiras. (XBG:480)
Desque pasou o carro non lle faltan carrilleiras. (XLF3:61) [421]

Resignación

Un dos refráns máis estendidos para expresa-lo tema da resignación é o que reproducimos a continuación e que debe de ser antigo porque xa o comenta no século XVIII o P. Sarmiento. Está hoxe no posto 16º no índice de frecuencia dos refráns galegos (XFR5) e esta intensidade de uso explica a existencia de todo tipo de variantes semánticas e gráficas, en forma afirmativa, exclamativa ou interrogativa.

¿A onde has de ir, boi, que non ares? (VG:21.9.85; XAM2:17) [422]
¡A onde irá o boi que non are, xa que arar sabe! (ERG:boi)
¿A onde irás, boi, que non aras, senón á cortadoría? (ERG:cortadoría)
A onde irás, boi, que non ares. (Corme1:505) [423]
¿A onde irás, boi, que non ares, senón á cortadoría? (ERG:boi)
¿A onde irás, boi, que non labres? (Camb1:47/101; Castre.) [424]
¿A onde vas, boi, que non ares? (Trazo) [425]
¿Onde has de ir, boi, que non aras /ares, senón á cortaduría? (MRL; VS) [426]
¿Onde irá o boi que non acamboe? (ERQ1:12) [427]
¿Onde irás, boi, que non aras/ares, senón á cortaduría? (UCA2:34/51; VS) [428]
¿Onde irás, boi, que non ares? (DRAG; PdM:15; XTC4; ERQ1:12; ZM:37; Lourei2; Antas4; SOBREI) [429]
¡Onde irás, boi, que non ares! (Riba1:209; ZM:37)

---

[419] Recólleo de Mosquera Feal en *Refranero ferrolano*. Este refrán úsase como exclamación cando desaparece un problema que preocupaba; coma quen di *¡Un problema menos!*

[420] Igualmente: *Porque un burro dea un couce non se lle ha cortala pata* (ERG:burro).

[421] Indica a inutilidade de buscar solucións unha vez superado un problema.

[422] XAM2: *Aónde*. Remitímo-lo lector ó apartado 11.8, no que reproducímo-la longa glosa que Sarmiento lle fai a este refrán tamén castelán: *A la pregunta que se hace, en Castellano: 'A donde irà el Buey, que no Arè'? Acompaña la respuesta: 'Al matadero'. Yo respondo: 'A Castilla'...*

[423] No texto: *donde*.

[424] Camb1: *ladres* (sic), errata evidente na p. 101; na p. 47 repíteo coa forma correcta *labres* e námbolos dous casos sen interrogacións, como frase afirmativa; Castre. tamén o escribe así. A E. Espasa comenta: *En todos los oficios y estados hay trabajos que sufrir.*

[425] Dise a quen non quere traballar.

[426] VS: *d'ir... ares*.

[427] ERQ: *ónde*, sen signos de interrogación. Rivas Quintas explica que *acamboar* é *dar encuarte, tirar del encuarte una yunta supletoria*.

[428] UCA: *boy*, *â cortaduría*. Realmente UCA2 cita este refrán en dúas ocasións: no 14.04.1908 di *Donde* e sen interrogantes; no 20.08.1908 di *Ónde* e con interrogante. VS ofrece tamén a var. *Donde.*

[429] No texto: *Ónde* (XTC4); *Ónde*, sen signos de interrogación (ERQ1); Ónde (ZM); *donde, iras, boy* (SOBREI). Antas4, Lourei2 e SOBREI tamén o recollen sen interrogantes. *Xa miña nai m'o dicía: / ¿Onde has d'ir, boi, que non ares, / senón á cortaduría?* (Curros Enríquez, *O Divino Sainete*, 2ª edic.).

¿Onde irás, boi, que non ares? -A Balsada e a Casares. (VS) [430]
¿Onde irás, boi, que non ares? A Casares. (UCA2:51; JASA:345; JASA2:412; JASA3:225; VLLM:1,148; EAG:23; ZM:188; VS) [431]
¿Onde irás, boi, que non ares? Á cortaduría. (JASA:320; JASA2:412; JASA3:226; VLLM:1,148; EAG:23; XLF3:67; VS) [432]
¿Onde irás, boi, que non ares? Á macelleira. (VLLM:1,148) [433]
¿Onde irás, boi, que non ares? Ó matadeiro. (Vald3) [434]
¿Onde irás, boi, que non ares? -Ós Peares. (VS) [435]
Onde irás, boi, que non ares, senón a cortaduría. (ZM:87; Baiona3) [436]
¿Onde vas, boi, que non aras? (Muga2) [437]
¿Onde vas, boi, que non ares? (XTC4; PRIVAS) [438]
¿Onde vas, boi, que non ares? A Casares (XTC4) [439]
Onde vas, boi, que non ares, senón á cortadoría. (LT1)
¿Pra onde irás, boi, que non ares? (XTC4; VS) [440]
¿Pra onde vas, boi, que non ares? Pra a cortaduría. (Mel2:466; VS) [441]
¡Ánimo tripas, que está un corno a cocer! (XLF2:19)
¡Ánimo, tripeiras, que a vaca berra! (VLLM:1,128) [442]
Dios me die pacencia e un carro pra levala (XLF3:67)
O boi turra do arado, mais non é do seu agrado. (ERG:boi) [443]

Respostas tópicas

¿E dempois? -Morréronme as vacas, quedáronme os bois. (VLLM:1,141) [444]
¿E despois...? -Onde non hai vacas, tamén aran os bois. (VS) [445]
Se non é boi, é vaca. (XTC4; VS; Camb1:47/101; Castre.; Saln4) [446]

---

[430] No texto: *i-a Casares.* Saco explica que son *pueblos de Quiroga muy accidentados, en los que no pueden arar los bueyes*. Non sabemos se no tempo de Vázquez Saco (†1962) había en Quiroga dous lugares denominados Casares e Balsada: hoxe o Casares máis próximo a Quiroga é do concello estremeiro de Monforte; e A Balsada, da Cañiza. Véxase a nota a *¿Onde vas, boi, que non ares? A Casares.*

[431] No texto: *voy* (sic) (UCA2); *ónde* (ZM); EAG sen interrogacións; JASA sen abrir interrogación. Llópiz explica que Casares é un lugar da prov. de Ourense que precisamente carece de terra arable; recólleo de Gabriel Mª Vergara *(Diccionario de cant. y refranes*).

[432] No texto: *a la cortaduría* (EAG); *â* (VLLM); JASA, EAG e XLF3 non abren interrogación. Llópiz encóntrao en Saco y Arce e en Carré Aldao. Realmente a edición que nós manexamos (*Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos recogidos por: D. Juan Antonio Saco y Arce. Edición y Estudio Preliminar de Juan Luis Saco Cid*. Diputación Provincial de Ourense 1987) é unha recuperación de materiais que viran a luz parcialmente na revista *Boletín de la Comisión de Monumentos de Orense*, e na p. 320 di: *A Cortaduría*. Xaquín Lorenzo considérao equivalente ó castelán *Habló el buey y dijo mú!*. VS comenta que *En todos los estados y oficios ha de haber que sufrir*, e ofrece estas equivalencias: P.: *Aonde irá o boi que não lavre, pois que sabe.* (Chaves); E.: *¿Dónde irá el buey que no are?* (Correas), *¿A dó irá el buey que no are? A la carnicería*. (Correas); C.: *Aon anirà el bou que no llaure?* (Alberola).

[433] Llópiz explica que *macelleira* é palabra galega arcaica por macelo ou matadoiro.

[434] No texto: *O matadeiro*.

[435] VS recólleo en Chantada.

[436] No texto: *Donde*, sen signos de interrogación (ZM).

[437] Non se pode escapar á sorte de un.

[438] XTC4. No texto: *ónde* (XTC4); XTC4: sen signos de interrogación; PRIVAS: entre admiracións.

[439] XTC4: sen signos de interrogación. Explica que este Casares é lugar de Montefurado, *terra pobre*. Supoñemos que XTC se referiría ós Casares da Encomenda (A Pobra de Trives) ou de Peites (Ribas de Sil) moi próximos a Montefurado pero o problema é que eses topónimos levan o artigo en plural (*Os Casares).* Para dicir *Casares*, sen artigo, como di o refrán tería que referirse ó Casares de Belmil (Santiso, provincia da Coruña), ós que con ese nome hai na provincia de Lugo nos concellos de Becerreá, Carballedo, Monforte, As Nogais, Samos ou Sober ou, finalmente ós que hai nos concellos ourensáns de Carballeda de Avia, O Carballiño e no Irixo.

[440] VS: *Pr'ónde.* XTC4: *pr'onde iras*.

[441] Mel2: *Pr'onde*, *pr'a*. A forma en que o reproducimos trata de respectar, coma en todo o traballo, un equilibrio entre a lexítima variante dialectal e a forma estándar de representación gráfica da lingua. VS: *Prá cortaduría.*

[442] Llópiz di que o recolle a súa irmá Mª Victoria en Ferrol en 1953. Tamén se recolle en Portugal, como expresión de irritación ou espanto: *ânimo, tripeiras, que berra a vaca* (P. Chaves) (DMA:243).

[443] ERG: *máis*.

[444] Llópiz: *morréronm'as*, *quedáronm'os*; recólleo de Carré Aldao.

[445] VS recolle as formas *en donde non hai* e *onde non*.

[446] Taboada Chivite remite a un conto recollido nas *Act Congreso Santo Tirso VI p. 325-326*. Saco comenta: *Si no es una cosa, es otra.* No texto: *si* (XTC4); *e boi e vaca* (Saln4). En Portugal corre unha adiviña que di: *Enquanto vivo sou, macho me aclamam,/ Morto eu, só por fêmea assim me chamam.*

Ye la conta da boca tonta, morreuse o boi, acabouse a conta. (VLLM:1,156) [447]

Riqueza doada

Os bois do sancristán, por donde veñen, van. (VS4) [448]

Roubo

O que becerros non vende e vacas non ten, a ver donde lle vén. (Carte.) [449]
O que becerros non vende e vacas non ten, dalgures lle vén. (Carte.)
O que vacas non ten e vende xatiños, de algures lle ven. (VLLM:1,149) [450]
O que vende becerros e vacas non ten, é que dalgún lado lle vén. (Gud5:108)
Quen vende xatiños e vacas non ten, de algures lle ven. (VLLM:1,149) [451]
Si tes gado e non prau, unha vaca e moito leite, non che estrañe que mal pense. (VS)

Roupa

*Se queres qu'a camisa che *blanquee com'a *plata, déixaa cocer com'a vaca.* (VS4) [452]

Sexo

Haxa cornos e non se vexan. (XTC4) [453]
Home celoso, o corno no ollo. (XMSH:47)
Home narighudo, poucas veces cornudo. (Sob3) [454]
Moza a noiva e vello o noivo, casamento do corno; vello el e vella ela, casamento de merda. (XMSH:43; XMSM:34; ZM:139) [455]
Vello que con nova casar, cornos non lle han de faltar. (Gud5:115)
Muller fraca, cona de vaca. (Gro5; Antas4; XTC4; Vigo3) [456]
Muller fraca, cu de vaca. (XMSM:60; XSL:23)
Muller gorda, cu de toura. (XMSM:60; XSL:23)
Vaca enconecheira, boa cría á beira. (Salv2) [457]
Vacas do monte non ten boi certo. (VLLM:1,155) [458]

Simultaneidade imposible

Non se pode fiar e muxir a vaca ao mesmo tempo. (ZM:157) [459]
Non se pode fiar e muxir ó mesmo tempo. (XSL:53; GILB:124)

---

[447] Llópiz di que o recolle da fala de Taramundi.

[448] VS4 di que o recolle de Silvestre Castiñeira Rodríguez. Este refrán, máis coñecido na variante *Os bens do sancristán...,* alude a un benpasar conseguido sen esforzo (é dicir, sen esforzo físico) e parece dicir que esa riqueza é pouco sólida. Véxase a cita que incluímos na loc. *coma un boi* (14009): *Na casa do sancristán, co gallo das axudas do crego, facíase unha mata de tres porcos coma tres bois* (LP2).

[449] Porque *ou rouba ou...* Os paralelos fan pensar que aquí sobra o primeiro *non*, pero as dúas variantes de Pilar Guerra (Carte.) din claramente que nin vende nin ten. Trátase, polo tanto, dunha variante firme que transmite un pensamento distinto do que expresa a forma máis coñecida deste refrán.

[450] Llópiz: *d'algures*; deixamos *ven* sen acentuar porque, se cadra, trátase dun plural arcaico; Llópiz recólleo de L. Páramo (Sarria); na explicación cita unha palabra que só aquí rexistramos: *Latarengos*, ladróns de gando (cast. *cuatreros*) e engade *que antiguamente invadían las ferias de ganado*.

[451] Llópiz: *Que vende ...* (sic) que corriximos por ser errata evidente; recólleo de Carré Aldao. Véxanse os seguintes paralelos: *O que come cabrito e cabra non ten, d'algures lle ven* (ANV1:77); *O que come cabrito e cabra non tén, ¿de ónde lle ven?* (ZM:173); *O que cabirto come e cabra non ten, de algures lle ven* (XLF2:51); *Quen vende cabirtos e cabras non ten ¿dónde lle ven?* (ERQ2:29). En Portugal din o mesmo con: *Miguel, Miguel, não tes abelhas e mais vendes mel*. Véxanse tamén estes: *Sacristán que vende a cera e non ten colmear, ¿de onde lle sairá?* (XLF2:63); *Sagristán que vende cera e non ten colmenar, pouco durarán as veliñas do altar* (ZM:219).

[452] VS4 recólleo en Sober pero noutro lugar recollíao como unha adiviña (ou, máis ben, un wellerismo): *Cóceme como a vaca e branquearei como a prata* e alí explica "Di o liño".

[453] Taboada Chivite lembra que a mesma idea está no *Otelo* de Shakespeare. Remitímo-lo lector ó conto *Os cornos* deste mesmo capítulo.

[454] No texto: *narijudo*.

[455] No texto: *casamento de m...* (XMSM); *de corno* (ZM).

[456] No texto: *flaca* (XTC4 e Vigo3).

[457] No texto: *a beira*.

[458] Llópiz: *ten*, que, se ben resulta infrecuente, tamén pode ser plural. Explica que, como andan pouco vixiadas, ó mellor cúbreas un macho descoñecido e de pouca calidade. Recólleo en 1946 en Bande e di que en sing. figura no *Rifoneiro minhoto*.

[459] No texto: *fiar* (sic).

Soberbia

A soberbia está sempre no gando fraco. (Trazo) [460]

Solución individual

Cada boi raña onde lle proi. (RCI:142)

Suborno

Carreteiro que non unta o carro, non sai do camiño. (UCA2:41; ERG:untar; XLF2:27; XLF3:58; ZM:60; VS) [461]

Carreteiro que non unta o carro, os bois non tiran. (UCA2:41; VS)

Carro que non se unte non anda. (XTC4)

Ningún carro anda ben se con xabrón non untan. (XLF3:59)

O carro untado anda ben detrás dos bois. (VS)

O carro untado anda ben tras dos bois. (Antas4)

O carro untado anda moi ben atrás dos bois. (Antas4)

O carro untado vai atrás dos bois. (XLF3:58) [462]

O que non unta o carro quédase ás veces na corredoira. (ERG:untar)

Quen o carro unta, ós seus bois axuda. (ERG:untar)

Quen o seu carro unta, ós seus bois axuda. (ERG:carro; XLF3:58; VS) [463]

Quen seu carro unta, seus bois axuda. (PdM:18)

Se queres que o carro ande, úntalle o eixo das rodas. (XLF3:58)

Sin cuñas non canta o carro. (XLF3:58) [464]

Tamaño óptimo

Boi grande, are ou non are. (VLLM:1,134) [465]

O boi, grande, are ou non are. (ERG:boi)

Máis alampa un boi dunha lambida que a ovella en todo o día. (VLLM:2,88) [466]

Traballo (natural e necesario)

Becerro mamón non mama deitado. (XTC4)

Home parado non carga o carro. (XLF3:64) [467]

O boi, pra arar; o paxaro, pra voar; o peixe, pra nadar; e o home, pra traballar. (XMSH:71; ERG:boi; CGP:30; ZM:163) [468]

O boi, pra que are; o home, pra que traballe; e a muller, pra que garde. (XMSH:177; ERG:boi; XSL:39) [469]

O que queira leite, que o munxa. (VLLM:1,149) [470]

Traballo excesivo

Criado en casa probe é boi en casa rica. (XLF2:29)

O boi que máis traballa, máis axiña creba. (VLLM:1,147) [471]

---

[460] No texto: *ghando*.

[461] No texto: *sal* (UCA2, ZA, VS). Saco comenta: *Con aplicación figurada a las recomendaciones para mover un asunto*, e engade as seguintes equivalencias: *Quien su carro unta, sus bueyes ayuda* (Sbarbi), *Carro que no se unta, no se ayuda* (R. Marín), *Carretero que no unta la rueda, atascado se queda* (R. Marín).

[462] Localízao nos arredores de Ourense.

[463] XLF3: *aos bois*. VS: *Quen seu carro, os bois*. A E. Espasa (s.v. *carro*) comenta que *los obsequios que se hacen en tiempo oportuno conducen indirectamente al buen éxito de lo que se desea alcanzar.*

[464] Localízao en Lobeira. Xaquín Lorenzo engade este comentario: *Cuando un campesino tiene que resolver algunos problemas en centros oficiales, tropieza a menudo con una serie de dificultades de tipo administrativo que no siempre puede resolver sin conquistarse antes la benevolencia de algunas personas influyentes: esto creó en el campo un cierto escepticismo respecto al desinterés de tales individuos, que inconscientemente generaliza, y que expresa gráficamente diciendo que 'Sin cuñas non canta o carro'.*

[465] Recólleo de A. Valenzuela en *Pontevedra agrícola*; engade que en sentido figurado cadra co cast. *Burro grande, ande o no ande*.

[466] Recólleo de E. Álvarez Giménez. *Alampar*, *alapear* ou *lampar* significan desexar vivamente unha cousa, sobre todo comida.

[467] Recólleo na Mariña. Explica que aínda que sexa bo confiar na providencia, non se pode esquecer que o noso traballo é indispensable.

[468] CGP: *para*.

[469] ERG: *i a muller*.

[470] Llópiz: *que a munxe* (sic) que corriximos por coidar que hai erro tanto no pronome feminino coma no subxuntivo. É sospeitoso que cite o cast. *Quien quiera leche que la ordeñe* e mesmo que cite a Carré Aldao (A Coruña 1908).

[471] Llópiz recólleo de I. González en Santiago.

Traballo do gandeiro

O leite é branco pero sae negro. (Antas4) [472]
Quen con bois arou, moito traballou. (ERG:boi; ZM:209; XLF3:64) [473]

Traballo con proveito alleo

Ara o boi e non para il, que é para nós (VLLM4)
Ara o boi pra que outros coman. (VLLM:1,130) [474]
Boi galego, que decrúa o monte pra o proveito alleo. (VLLM:1,134) [475]

Traballo alleo con proveito propio (parasitos)

"Aramos", dixo a mosca, e estaba no corno do boi. (VG)
"Aramos", dixo a mosca ó boi. (ERG:mosca)

Traballo (Calendario laboral)

O vintecinco de marzo pare a vaca tres crías: as dez e a merenda e o descanso a mediodía. (Antas4) [476]

Traballo mal feito

Ó que co demo traballa, os bois se lle desmandan. (ERG:demo; VS) [477]

Traballo e comida

O boi afartado fai cama do rabo. (VLLM:1,145) [478]
O boi afartado non pasa o valado. (VLLM:1,145) [479]
O boi afarto, déitase no prado. (VLLM:1,145) [480]
O boi farto anda esparso. (VLLM:1,146)
O boi farto, paseniño deixa/sal do prado. (VLLM:1,145) [481]
O boi farto vai paseniño. (VLLM:1,146) [482]

---

[472] Refírese ó esforzo e traballo das actividades gandeiras. No texto: *blanco, sale*.

[473] No texto: *aróu, traballóu* (ZM). Xaquín Lorenzo aplícao ós que presumen de traballar moito cando o maior peso o levan outros.

[474] Llópiz recólleo en San Félix de Donís (Ancares). Ver nota ó refrán seguinte.

[475] Llópiz cita ó P. Feixoo e os versos da famosa anécdota atribuída a Virxilio *Sic vos non vobis fertis aratra boves*. Conta Donato na vida de Virxilio (18) que despois dunha noite de auga apareceu escrito nas portas do pazo de Augusto este dístico:

Nocte pluit tota; redeunt spectacula mane:
divisum imperium cum Iove Caesar habet.

Esta noite chove seguido; pero mañá volven os espectáculos, que Cesar comparte o mando con Xúpiter.
Disque Augusto quixo saber de quen eran aqueles versos que o comparaban ó deus do raio e do trono; e disque un tal Batilo, poeta de segunda clase, dixo que eran del. Eran de Virxilio. Este incomodouse pola apropiación indebida, volveu ó lugar e escribiu:

Hos ego versiculos feci. Tulit alter honores:
sic vos non vobis...

Estes versiños fixenos eu pero outro levou a sona: así vós pero non para vós...
Deixou así a cousa incompleta para que aquel poetastro, se tanto sabía, rematase o hemistiquio. Batilo non soubo. E Virxilio rematouno deste xeito tan orixinal:

Sic vos non vobis nidificatis, aves.
Sic vos non vobis vellera fertis, oves.
Sic vos non vobis mellificatis, apes.
Sic vos non vobis fertis aratra, boves.

Así vós, paxaros, aniñades pero non para vós (en beneficio voso). Así vós, ovellas, producíde-la la pero non para vós. Así vós, abellas, criáde-lo mel, pero non para vós. Así vós, bois, tirades polo arado pero non para vós.
O "*Sic vos non vobis*", de que fala Llópiz, aplícaselle ás realidades, coma o Sil e o Miño, nas que un fai o traballo e outro leva a sona e mailo proveito. No caso do refrán que nos ocupa o boi ademais ten a condición de '*galego'* que é na literatura (popular ou culta) castelá e portuguesa o prototipo de quen traballa moito pero sen recibi-lo beneficio do seu esforzo.

[476] Porque en marzo medran os días e empeza o tempo da sesta.

[477] VS: *O que co demo traballa...* O anacoluto é moi frecuente na paremioloxía.

[478] Llópiz recólleo de Martín Calado (*Fungueirazos)*.

[479] Llópiz: *balado*.

[480] Llópiz recólleo de Mosquera Leal (*Refranes*, Ferrol 1926).

[481] Llópiz di que o recolle do refraneiro *Ultreya* de A. das Casas pero na edición que nos manexamos non figura tal refrán. Tampouco o encontramos na revista *Ultreya* (onde hai refráns recollidos por Álvarez Giménez).

[482] Llópiz recólleo en Goután, Varea (Ourense).

Tratamento

A boi borracho e tolo, dáselle o rego e todo. (XTC4)
Señoritos e becerros, pra fodelos. (XTC4)
Tal é o carro da Madalena, tales son os fungueiros que leva. (XTC4; XLF3:66) [483]
Tal é o carro, tales as fungueiras. (PdM:20)
Tal é o carro, tales fungueiros leva. (MPR:270; ZM:234) [484]
¡Tales carros, tales fungueiros! (PRIVAS) [485]
¡Tales carros, tales nabos! (PRIVAS)

Valentía serodia

Ao boi morto, acañarlle/acáñalle o corno. (VLLM:1,129) [486]
Ao boi morto, agarrarlle por un corno. (VLLM:1,129) [487]
Ao boi morto, collerlle o corno. (VLLM:1,129) [488]
Ó boi morto, agárralle o corno. (ERG:boi)
Ó touriño morto, gran coitelada. (VLLM:1,130) [489]

Valor

Máis val ser boi do que carro, e aguillada antes do que boi. (VLLM:1,157)
Se as voltas o fan, cámbiase o boi polo can. (Carb-L:195; VS) [490]

Vellez Ver *Experiencia*

A boi vello non lle mudes de corte. (UCA2:39)
A boi vello non lle mudes de cortello. (VS) [491]
A boi vello non lle mudes o cortello. (UCA:36.18; ZM:16; VS) [492]
Ao boi vello non lle mudes a corte. (VLLM:1,129) [493]
Cátalle corte nova ao boi vello, que ele deixará o pelexo. (VLLM:1,138) [494]
Boi vello, pola rilleira. (XMSH:38; Antas4; Gud5:89; VS) [495]
Cando o carro non garda os clavos, mala conta. (Carb-L2)
O miolo pró vello e pró mozo o cornello. (XLF2:50; XMSH:104) [496]

Vellez inútil

Ó boi vello dálle mantenza e darache a pelexa. (ERG:boi)
O boi vello non se chora. (ERG:boi) [497]

---

[483] XLF3: Madanela; engade que *equivale a otra frase que se oye mucho: 'Tan bo é Xan coma Perillán', es decir, tan bueno es uno como otro.*

[484] No texto: *he o carro, fungueyros* (MPR).

[485] Para ben ou para mal, todos saímos á familia, non só no físico senón no comportamento social.

[486] Llópiz recólleo de E. Nistal en Rábade.

[487] Llópiz: *pr'un*; recólleo de A. Abelaira.

[488] Llópiz explica que ten dous sentidos figurados, que un equivale ó cast. *A burro muerto, cebada al rabo*, e que o outro *representa una irreverencia o destemor hacia quien en vida fue temible enemigo*.

[489] Llópiz recólleo de R. Abacens (Celanova 1861); di que cadra co cast. *A moro muerto, gran lanzada*. Segundo Correas, esta era a forma orixinal que deu lugar á variante *A toro muerto, gran lanzada*, co mesmo significado. León Medina (*Frases literarias afortunadas*) engade que o refrán orixinal xa se le no *Cancionero General* de Hernando del Castillo, impreso en Valencia en 1511. En calquera caso, alude "*a aquellos valientes que se atreven a arrostrar todos los peligros cuando ya lo han hecho otros, pero no antes*" (Sbarbi).

[490] Carb-L: *por o can*.

[491] Comenta VS que *No es fácil desarraigar añejas costumbres. Se dice lo mismo de las personas: 'al viejo, múdale el aire y te dará el pellejo'.* Engade o seguinte equivalente castelán: *Al buey viejo, múdale el pesebre y dejará el pellejo* (Sbarbi).

[492] ZM: *de cortello*.

[493] Llópiz di que o recolle de E. Carré (*A Nosa Terra* 1908) que realmente di *A boi vello non lle mudes de corte*.

[494] Llópiz: *qu'ele*; di que é var. de *Boi vello ó que se lle troca o palleiro*...; recólleo en Mondoñedo.

[495] A *rilleira* é un sitio difícil nunha corredoira, e ó boi vello como tira ben élle máis fácil subir coa carga. VS presenta tres variantes: *reigueira, rigueira* e *rilleira.*

[496] No texto: *pro mozo* (pero, *pró vello*) (XLF2).

[497] Este refrán e os seus similares contradín outro tema do refraneiro que é a vellez dos bois como característica positiva, porque teñen unha experiencia e habilidade que supera dificultades que os bois novos non dan superado.

Vida (valor da)

Máis val de vivo cheirar a touro que de morto a ouro. (XMSH:80; ZM:132) [498]

Máis val de vivo oler a touro que de morto a ouro. (UCA2:44; VS) [499]

Xeográficos

No capítulo 15 pode encontra-lo lector unha longa epígrafe de refráns con topónimo (15.3.).

Catalán con bota, andaluz con diñeiro e galego con mando: líbrenos Dios dese gando. (Carb-L2; XMSH:118) [500]

Catalán con botas, andaluz con diñeiro e galego con mando, Dios nos libre dese gando. (VS) [501]

En Cando, nin xente nin gando. (Outes) [502]

Xente de Noia, campana de coiro, tocan á misa cun corno. (ZM:252) [503]

Xente de Noia, campana de pau, tocan á misa co corno. (VG:9.8.86)

Xustiza Ver *Suborno*

Eixos e avogados, para andar, ben untados. (XFR2:39)

Preito sin manteiga non pasa a Audienza. (XFR2:39)

Rodas e avogados queren ser untados. (XFR2:39)

Máis quero ver a miña vaca morta que a xustiza na porta. (XTC4; VS)

Mellor quero ve-la miña vaca morta, que a xustiza á porta. (EGE:82; XFR2:36, XFR2:53) [504]

Quero máis que me morra a vaca que ver a xusticia na casa. (VS)

Os avogados fan a dúas mans: a mouros e a cristiáns. (XFR2:52) [505]

Diferentes paremiólogos recollen este refrán que anotou no século XVI o comendador Hernán Núñez. Pero nin Murguía, nin Bouza Brey (que traballaron sobre os refráns de H. Núñez), nin Vázquez Saco, nin Ventín Durán (que o recollen) explican o que significa; Ventín incluso o mete no grupo dos *encomprensibres*.

Ou ti non queres, ou ti non podes ou ti non traes o leite nos foles. (FBB7a:229; MMM:124; VD:186;VS:556; XSL:67) [506]

13.2. Os bovinos, como animais sagrados, simbólicos ou mitolóxicos



Resulta sorprendente que a primeira letra do alfabeto, o **A**, nacese sendo un xeroglífico exipcio que significaba "boi". Os fenicios, que estilizaron ese xeroglífico, seguiron escribíndoo cos cornos cara arriba (máis ben cara ó norleste) pero xa lle asignaron o valor da vogal **a** e chamáronlle *aleph*; foron os gregos os que lle chamaron *alpha* e os que a puxeron cos cornos cara abaixo, na posición actual. Ese lugar preeminente é todo un símbolo da importancia do gando vacún; maiormente se pensamos que a letra **B** tamén naceu sendo un xeroglífico exipcio que significaba "casa" e ó que os fenicios lle chamaron *beta* e asignáronlle o valor de consoante labial sonora.

Nunha economía rural tradicional os bovinos son animais moi valiosos. Son os máis valiosos. Por iso quen se achegue á arte de calquera cultura actual ou antiga observa que o gando bovino constitúe un elemento iconográfico relevante; maiormente o seu terzo anterior. Os cornos dos bovinos simbolizan un

---

[498] Este refrán lémbranos aqueloutro que di *Val máis cheirar de vivo a viño e merda que de morto a incenso e cera*. No texto: *ca* (XMSH).

[499] No texto: *Mais, á touro, á ouro.*

[500] No texto: *dise* (Carb-L2). Moreiras Santiso dá tamén esta variante: *tíremos Dios do quinteiro.*

[501] VS ms: *Catalán con bota*, mc: *de ese ganado*. Dá o seguinte equivalente castelán: *Catalán con bota, gallego con dinero y andaluz con mando, pa no verlos* (R. Marín).

[502] A nosa informante dinos que nesta aldea de Outes sempre houbo preitos e pelexas entre os veciños e entre familiares por causa das leiras e dos lindes. Como non facían miramentos cos familiares, compárase á xente cos animais, que teoricamente non teñen conciencia para os semellantes.

[503] No texto: *cairo*, que supoñemos erro por *coiro*.

[504] No texto: *ver a, xusticia* (EGE).

[505] Obviamente *facer a dúas mans* parece construído sobre *traballar a dúas mans.* Véxase na epígrafe 9.6. a entrada 12.170.

[506] No texto: *ti, trais* (XSL); *tu non eres* (FBB). *O tu non queres ou tu non podes , ou tu non traes* (MMM).

animal que representa dalgún xeito diversos valores deste mundo e, nalgúns casos, tamén do outro, chegando a representa-la divindade.

É sabido que en diferentes culturas actuais os bovinos son considerados sagrados e está prohibido come-la súa carne.

Para algúns antropólogos a sacralidade da vaca é a versión poética e relixiosa dunha verdade económica ou ecolóxica.

Explicacion económica. O home rural, que da vaca recibe alimento, enerxía para os seus trebellos de labranza e, por veces, mesmo a calefacción, non pode matar esa fonte de vida; para el o gando vacún é tan importante coma o petróleo para o home urbano.

Explicación ecolóxica. A sacralidade do gando non nacería da súa evidente utilidade para a agricultura senón da endémica insuficiencia de vacas nun concreto pobo agrícola. A sacralidade da vaca sería a versión teolóxica do que hoxe chamaríamos loita ecolóxica pola salvación dunha especie necesaria en perigo de extinción. Nunha sociedade secularizada, coma a nosa, esa loita é política. Nunha sociedade teocrática esa loita era teolóxica.

Estas explicacions económica e ecolóxica non son cavilacións modernas. Xa Porfirio [507] no III d.C. afirmaba que os exipcios prohibiran matar vacas porque eran útiles e porque había poucos rabaños. De xeito que, aínda que mataban bois para o altar e para a mesa, abstíñanse de matar vacas, para conservaren a raza; e a lei condenaba como sacrilexio comer carne de vaca: os antigos exipcios disque chegarían antes a comer carne humana que a comer carne de vaca. É verosímil, logo, que a escaseza de gando en Palestina e no Nilo fose a que levou a tomar medidas para evita-la extinción de especie tan necesaria. E que a relixión, coma noutros casos, fose detrás dándolles a estas decisións laicas un envoltorio poético, místico, transcendental.

Economía e ecoloxía, unidas ás enormes dimensións do animal e á súa forza, converteron os bovinos en animais cargados de simbolismo e mesmo de sacralidade. É o mesmo proceso polo que outros pobos militares tomaron como símbolo da divindade a espada ou algunha outra arma.

13.2.1. A vaca, animal sagrado ou mitolóxico

Digamos, logo, unhas palabriñas da sacralidade da vaca [508].

Na India o hinduísmo cre na santidade da vaca. No Avesta [509] fálase dun ser divino denominado *geus urvan* que literalmente quere dicir "a alma da vaca" e que se considera personificación e protector dos seres vivos; e no Rig-Veda fálase da relación mística entre a vaca e o universo. No Mahabharata [510] dise que quen mate, quen coma ou quen permita o sacrificio dunha vaca ha apodrecer no inferno tantos anos como pelos tiver o corpo da vaca sacrificada. E esta crenza está aínda hoxe en vigor. Para os hindús non só é sagrada a vaca senón tódolos seus produtos: leite, queixo, manteiga e mesmo, dispensando, o esterco [511] e o mexo. Todos son medios de purificación do home que, se é piadoso, non ha ter repugnancia en usalos todos no seu momento. Nesta crenza non é de estrañar que actividades como o pastoreo tivesen historicamente un gran prestixio, por seren os pegureiros gardas e compañeiros do supremo deus.

En Exipto tamén era, á súa maneira, animal cargado de simbolismo relixioso. Eliano [512] dicía que a vaca estaba consagrada a Venus (baixo o nome de Athor) e que os exipcios tamén representaban a Isis con cornos de vaca. Polo tanto en Exipto a vaca simbolizaba dúas divindades: Athor e Isis. A vaca simboliza tamén a Estrela do Día, o planeta Venus (estrela boeira). Estrabon [513] di que en Momenfis, onde recibía culto a Venus exipcia, gardaban unha vaca sagrada co mesmo respecto relixioso que lle tiñan en Menfis ó Boi Apis e en Heliópolis ó Boi Mneris. Tamén veneraban unha vaca sagrada en Afoditópolis e en Chusae.

---

[507] *Perì apochês empsychon* 2,11.

[508] Entre nós escribiron algo da simboloxía dos bovinos, entre outros, José Lois Armada Pita (JLAP).

[509] *Yasna* 28,1 e 29 5.

[510] 13,74.

[511] Ver7:118. Taboada Chivite cita a Pijoan (*Historia del Mundo*, Barcelona 1950; I, 143) para afirma-las propiedades antisépticas do esterco e da bosta de vaca.

[512] *De natura animalium* 10, 23.

[513] 17,552.

13.2.1.1. O tempo das *vacas gordas* e o tempo das *vacas fracas*

Na Biblia quizais apareza máis veces o boi cá vaca. Esta, cando aparece, é un animal apreciado pola súa fecundidade, polo leite e pola carne que se pode comer. Só unha vez [514] é termo de comparanza pexorativa: cando se compara as mulleres de Samaría coas vacas de Baxán pola súa vida sensual.

Normalmente a vaca é comparanza positiva [515]: a touriña que brinca polos campos, a vaca que axuda na malla do gran, a vaca que serve de regalo a quen debemos favores. Desprenderse dun animal tan valioso era un sacrificio económico importante. Por iso se prescribe o sacrificio expiatorio dunha vaca rubia que mataban e queimaban e que facilitaba así a cinsa coa que despois se purificaban [516]; vaca que, por certo, escollían con moito mimo, xa que non podía ter pinta ningunha nin lle podía atopar un pelo doutra color. O rito levítico da vaca rubia pretendía facilita-la purificación do home que tivera contacto coa morte.

Pero xa fóra de todo contexto idolátrico ou sacrificial é importante un episodio bíblico que pasou a tódalas linguas de Occidente. Referímonos ó soño que tivo o Faraón, no que viu sete vacas garridas atacadas e devoradas por sete vacas fracas e que Xosé lle interpretou [517] como anuncio de que ían vir sete anos de fartura e despois sete anos de miseria. *Tempo das vacas gordas* e *tempo das vacas fracas* son hoxe en tódalas linguas occidentais locucións que aluden respectivamente a períodos de bonanza ou de crise económica. Velaí a primeira teorización dos ciclos económicos, ós que aínda hoxe é frecuente referirse coa expresión bíblica.

13.2.1.2. Mulleres transformadas polos deuses en vacas

Zeus namorouse dunha moza chamada Io, pero a súa esposa Hera ventou a aventura. E Zeus, para librala dos celos da súa esposa, transformouna en becerra branca e así afirmou sen mentir que el nunca amara aquel animal. Daquela Hera esixiu que lle regalase a tal becerra. Así Io quedaba nas mans da súa rival e custodiada por Argos, o dos Cen Ollos. Zeus tivo dó de Io e disque foi estar con ela transformado en boi. Zeus despois amañou con Hermes a maneira de liberar Io. Hermes cun golpe de maxia adormentou 50 ollos de Argos e, aproveitando que os outros 50 xa estaban durmindo o seu sono natural, matouno. Pero, liberada Io de Argos, Hera mandoulle un tabán que a aferroaba. Picada da mosca, pegou a fuxir coma unha tola. Percorreu a costa do golfo que dela acabaría collendo o nome de *Golfo Ionio* (*Mar Iónico*, ou *Xónico*, o mar que separa Europa de Asia), e en Asia entrou polo Bósforo (literalmente *Paso da vaca*). Picada da mosca andou por Asia e chegou a Exipto: alí por fin encontrou abeiro á beira do Nilo e recuperou a súa forma humana.

Ifixenia era filla de Agamenón e de Clitemnestra. Cando estaba a punto de inicia-la travesía marítima cara a Troia o exército aqueo, Agamenón ofendeu a deusa Artemisa e esta mandou unha tal calma no vento que non había maneira de poder saír ó mar. Consultaron o adiviño Calcante e este dixo que tiñan que sacrificar Ifixenia. Coma no sacrificio bíblico de Isaac, no momento en que xa ían matar Ifixenia, Artemisa tivo dó da rapaza e esta desapareceu. Unhas tradicións din que a xente pechou os ollos para non ver aquilo e ela fuxiu; outras, que Artemisa a transformou nun animal; e aquí as tradicións volven ser dispares: transformouna en cerva, en oso, en boi, en becerra.

Tamén as fillas de Proeto acabaron convertidas en vacas. Coidaron que eran máis guapas que Hera e esta reviróulle-lo sentido e botáronse ó monte e andaban coma tolas convencidas de que eran vacas: talmente coma as bacantes de Diónisos, e sen quereren volver á casa. Un adiviño ofreceulle a seu pai curalas se lle daba un terzo do seu reino de Argos. Inicialmente o pai negouse pero despois cedeu porque o prezo ía subindo. O adiviño xuntou os máis fortes mozos da redonda e perseguiu as Proétidas polos montes ata que as curou botando unha herba na fonte onde elas ían beber.

13.2.2. O boi, animal sagrado, simbólico ou mitolóxico

Tamén o boi tivo consideración de animal sagrado.

13.2.2.1. Exipto: o Boi Apis e Serapis

Apis era un deus solar exipcio que, como dixemos, recibía culto en Menfis baixo a figura de boi. Era a encarnación do deus Ptah. Este boi que vivía a corpo de rei nun templo era dunha raza que tiña unhas pintas especiais que figuraban un voitre (no lombo), unha lúa crecente branca (na testa) e un escaravello (baixo

[514] Amós 4,1ss.
[515] Xeremías 46,20; Oseas 10, 11.
[516] Números 19,2-22.
[517] Xénese 41,2-4.

a lingua). O derradeiro exemplar desta raza (dos centos deles que durante séculos viviron no santuario de Ptah) disque morreu no 362 d.C.

Cando este boi morría, convertíase en Osiris-Apis (de onde vén Serapis), embalsamábano e enterrábano nunha necrópole especial, o Serapeum. As tumbas deste tipo que se coñecen van dende os tempos de Amenofis III deica os do derradeiro Ptolomeo.

A partir do Imperio Novo o touro seleccionado en Menfis quedou equiparado á divindade solar Atón e por iso o representaron co disco solar entre os cornos.

Esta dobre fusión do deus solar co lunar explica que fóra de Exipto apareza unhas veces identificado con Zeus e representado co disco solar entre os cornos, e outras veces identificado con Hades e representado co crecente lunar entre os cornos.

13.2.2.2. A Biblia

Na Biblia, tan belixerante sempre co politeísmo e coa idolatría, os bovinos non son animais sagrados. Con todo hai un episodio idolátrico (o caso do becerro de ouro) que se condena explicitamente e hai algunhas outras referencias a bovinos, que nada teñen de sagrado, e que tamén imos comentar.

13.2.2.2.1. O becerro de ouro

No capítulo 32 do libro do Éxodo cóntase que estando Moisés no curuto do Monte Sinaí parolando con Iavéh, os israelitas, acampados ó pé do monte, pedíronlle a Aarón que fixese unha imaxe de Deus, para teren algo visible a quen adorar, como tiñan os outros pobos [518] e pedíronlle que fose un becerro de ouro. O caso é que Deus poucos días [519] antes dixéralles que non terían outro Deus que El e invisible. Aarón cedeu e as mulleres entregaron as súas xoias e fundiuse un boi de ouro que a Biblia despectivamente chama *becerro* [520].

O feito de que as mulleres se desfixesen das súas xoias demostra que o tal xato de ouro non simbolizaba o culto ó diñeiro, aínda que vulgarmente se entenda así. Tampouco quixeron facer un deus falso, porque eles adoraban a Iavéh. Do que se trataba era de que os hebreos non se amañaban sen unha imaxe visible da divindade e escolleron o boi. ¿Por que? Porque esa era a representación de moda daquela: o boi Apis en Exipto, o Minotauro, como veremos, en Creta.

Cando Moisés baixou e viu o becerro, mandou esmagalo, pulverizalo e tira-lo po no río no que bebía o pobo, para que bebese o instrumento do seu pecado.

13.2.2.2.2. O boi símbolo dun evanxelista

Na Biblia conta o profeta Ecequiel (1,10) unha visión que tivo de catro seres fantásticos que baixaban do ceo, nun vento de tormenta, entre nubes e lóstregos, e que tiñan ás con feitura de cara de home, de león, de boi e de aguia. Desta visión saíron os símbolos dos catro evanxelistas: Mateo, o home; Marcos, o león; Lucas, o boi; e Xoán, a aguia.

A asignación dos atributos a cadanseu evanxelista é tradicional e moi antiga pero non sempre foi a mesma: Xuvenco, escritor hispano do século IV, asignaba a aguia a Marcos e o león a Xoán. A motivación é discutida.

O boi, con ou sen ás, é, polo tanto, o símbolo iconográfico de san Lucas. E *as san Lucas* en Mondoñedo eran unhas importantes feiras de gando (hoxe case só de cabalos) [521].

Con todo, en diferentes puntos de España (maiormente en Estremadura e Zamora pero tamén algo por Logroño) existiu a festa do *toro de san Marcos*, da que xa falamos en 11.4.1. A explicación que se dá do cambio do león polo boi (que nesas zonas de España se supón sempre bravo), é que os dous animais son o paradigma da ferocidade pero, sendo imposible encontrar leóns na península ibérica, aquí colleuse o boi bravo para asocialo con san Marcos.


---

[518] Posiblemente o Boi Apis, que adoraban os exipcios ou o boi branco Mneris, que se veneraba en Heliópolis, preto da terra de Xesén onde viviran os israelitas.

[519] Éxodo 19.

[520] Hai quen dixo que era imposible tal fundición nesas condicións, pero parece que hai probas de que si houbo fundicións no deserto. De por parte, como di Chao Rego (*De Exipto chamei ó meu fillo*. Ediciós do Castro, Sada 1980, 243-244) os hebreos non eran nómadas de todo, coma os beduínos de hoxe. Eran seminómadas porque o camelo, único animal que pode atravesa-lo deserto de Arabia, aínda non estaba domesticado daquela. Empregaban o burro para levaren a tenda e as súas cousiñas e por isto vagaban sempre a pouca distancia dos pobos sedentarios labregos.

[521] Pero a festa de san Marcos tamén está moi ligada á gandería: en moitos lugares hai no día de san Marcos (25 de abril) importantes feiras de gando. Véxase Caro Baroja, Julio (1945): "El toro de San Marcos" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* I, 1945, 88-121. En moitos lugares é tradición que ese día remataba o arrendamento dos pastos de inverno, feito que convertía ese día en día de felicidade para os pegureiros (Gil y Carrasco, Enrique en VVAA (1851): *Los españoles pintados por si mismos*; 190. Madrid).



O boi, símbolo de San Lucas (Santa María de Melide).

13.2.2.3. Grecia

Na mitoloxía grega o boi ten unha presenza importante. Pero, antes de máis nada, debemos lembrar que na mitoloxía grega, ó contrario do que acontece nos dogmas católicos, non hai un único relato oficial de asentimento obrigatorio senón pluralidade de relatos non sempre coherentes e moitas veces contraditorios. Ímolo comprobar inmediatamente.

13.2.2.3.1. Zeus en figura de boi. Creta

O boi era o símbolo de Creta onde se conservan frescos que representan corridas de bois (nas que se xoga co animal sen espadas e bricando por riba del) e onde os cornos de boi están como símbolo en múltiples lugares [522]. ¿Que boi era este?

Algunhas tradicións míticas din que o boi de Creta era o boi que raptara a Europa por conta de Zeus (segundo outras era o propio Zeus metamorfizado). O conto era así: Zeus, prendado da beleza de Europa, filla do rei de Tiro (ou de Sidón), que estaba a xogar coas súas amigas na praia, tenta conquistala e argalla transformarse en boi dunha brancura espectacular e cuns cornos semellantes ó crecente lunar. Baixo esta forma vaise pousar ós pés de Europa. Esta, con medo ó primeiro, colleu confianza, agarimouno e finalmente sentóuselle no lombo. Coa mesma o animal érguese e lánzase cara ó mar. Os berros de Europa non serviron para nada. O boi arrédase da ribeira levando Europa ás costas. Os dous chegan a Creta e alí Zeus únese a Europa, onda unha fonte e á sombra dun pradairo, que tiña o privilexio de nunca perde-la folla. A Zeus dálle Europa tres fillos: Minos, Sarpedón e Radamante. Zeus regaloulle a Europa tres cousas: Talos (un robot que gardaba as costas de Creta de toda invasión estranxeira), un can que nunca deixaba escapa-la presa e unha frecha que sempre daba na diana. Despois casouna co rei de Creta, que adoptou os fillos de Zeus, e o boi raptor converteuse en constelación (Tauro).

[522] As prolongadas escavacións que se teñen levado a cabo no Palacio de Minos -o lendario rei de Creta, fillo de Europa, en Cnosos (Creta)-, comezadas por Sir Arthur Evans na primavera de 1900, no cumio de Kefala, a carón do río Cáiratos, preto da cidade de Irakleo, supuxeron un dos maiores descubrimentos arqueolóxicos, poñendo ó descuberto o tan buscado pazo de Minos. Neste pazo podemos atopar moitas referencias ó noso tema. Entre outras, cómpre resalta-lo achádego dun ritón en forma de testa de boi; un fresco ou pintura que amosa como tres acróbatas (ou quizais un mesmo descompoñendo o salto en fases) practican a arte de saltar por riba dun gran touro, ben armado de cornamenta; un sarcófago feito de terracota con pintura de dous touros enfrontados; un altar de cornos, situado na parte sur do palacio, que supostamente tería unha función sacralizadora do lugar etc.



Rapto de Europa (Juan Oliveira Vieitez: praza de Europa, Vigo).




Moeda grega de 2 euros.

Outras tradicións din que o boi de Creta era un que viñera milagrosamente do mar: Minos prometera sacrificarlle a Poseidón un boi que viñese do mar e nestas apareceu do mar un boi marabilloso; tan garrido era o animal que Minos mandouno para o seu armentío e sacrificoulle outro que tiña máis ordinario. Poseidón vingouse volvéndoo bravo e, segundo algúns, ata o punto de botar lume polas ventas. Euristeo encargaríalle a Heracles que lle levase aquel boi vivo. Con relativas dificultades Heracles deuno capturado e volveu a nado a cabalo del. Euristeo quíxoo sacrificar en honor de Hera pero esta non o aceptou por vir das mans de Heracles. Así, deixárono ceibo e o animal chegou a Ática.

Finalmente outra tradición, complementaria da anterior, di que o boi símbolo de Creta é o animal que amara Pasífae. A vinganza de Poseidón non consistiu simplemente e embravece-lo boi senón tamén en inducir na muller de Minos, Pasífae, unha atracción contra natura por aquel animal. Para satisface-la súa paixón, Pasífae pediulle ó seu enxeñeiro Dédalo que fabricase un aparato no que ela puidese introducirse e que tivese forma de becerra. Dédalo fixo o aparello con tal perfección que o boi cubriu aquela "becerra" e así Pasífae quedou preñada do boi. Disque este vello mito é o que representa o mosaico romano descuberto en 1986 en Lugo [523]. O que Pasífae acabou parindo tiña corpo de home e cabeza de boi, o Minotauro. Minos tivo despois que mandarlle construír un labirinto para agachar aquel monstruo e tamén para se protexer del, porque tiña que comer cada ano sete mozos e sete mozas. Para este *penso* os cretenses utilizaban presos atenienses, ata que un deles, Teseo, deu matado o Minotauro e, máis difícil aínda, deu coa saída do labirinto grazas a un fío que fora estendendo mentres entraba e que lle dera Ariadna baixo a promesa de que a levaría con el para Atenas. Ariadna era filla lexítima de Minos e Pasífae.

E Pottier no DAGR fixo ver que, aínda que hoxe o labirinto nos suxire inmediatamente a historia cretense, o labirinto é un fenómeno moi anterior e exipcio: o faraón Amenenhat III, da XII dinastía, fixera construír preto do lago Moeris un edificio inmenso de 200 m de lado que fose simultaneamente o seu pazo e a súa tumba; e que esta, no centro, estaba envolta nunha maraña de salas hipóstilas cubertas por un único bloque de pedra e comunicadas por corredores nos que era imposible orientarse sen guía. Heródoto (484-425 a.C.) dicía que tódolos edificios de Grecia xuntos non valían o que aquel monumento exipcio e que sobrepasaba en beleza as pirámides. O hoxe sonado labirinto de Creta parece que se construíu imitando pero en pequeno aquel prototipo exipcio.



"Labirinto. Aquí vive o Minotauro". Pintada nas paredes de Pompei (79 d.C.) (E. Pottier en DAGR s.v. *labyrinthus).*

Sexa como for, ó labirinto cretense é a quen se liga a memoria do minotauro tal e como expresamente di unha pintada de Pompei (79 d.C.). O máis sorprendente é que as complexas circunvolucións dese labirinto, coma se se tratase dun logotipo internacionalmente estandarizado, repítense na Conimbriga romana e, máis sorprendente, nos petróglifos de Mogor e de Outeiro do Cribo (A Armenteira, Meis).

[523] Unha crónica periodística (*La Voz de Galicia* 28.1.1990) atribúe esa interpretación ós especialistas Blanco Freijeiro e Rodríguez Colmenero.

13.2.2.3.2. Heracles – Hércules co boi de Creta e cos bois de Xerión

Heracles (para os latinos Hércules) tivo que realizar doce traballos extremamente complicados para expia-la culpa de extermina-la súa propia familia.

O sétimo deses traballos foi domear e sacar de Creta un boi que creara moitos problemas. É outra versión do asunto do boi de Creta que vimos na epígrafe anterior. Minos, rei de Creta, autorizou Heracles a que capturase e levase de alí o tal boi. Heracles domeouno e levouno para Atenas. Alí Euristeo quíxoo sacrificar en honor de Hera pero esta desprezouno porque odiaba a Heracles. Entón deixárono ceibo e o animal, andando de seu, parou en Maratón, converténdose no boi de Maratón.

O décimo deses traballos foi roubarlle os bois a Xerión. Este Xerión era un xigante de tres cabezas e o seu reino estremaba coa mítica Tartesos: nese reino tiña uns bois tan bos que todo o mundo llos cobizaba. Euristeo mandoulle a Heracles que llos fose roubar. A tradición galega sitúa na Coruña o episodio da loita corpo a corpo entre Hércules e Xerión e desa tradición vén o nome de Torre de Hércules e mesmo o escudo da Coruña cunha caveira, que sería precisamente a de Xerión, vencido por Hércules e enterrado ó pé da torre [524].



Escudo da cidade da Coruña.



Escudo de Andalucía, deseñado por Blas Infante.

13.2.2.3.3. Deuses que se transforman en bois

Xa vimos que, segundo a multiforme mitoloxía grega, Zeus transformouse en boi para amar Io e tamén Europa.

Hefesto tamén se transformou en boi, con outros deuses tamén metamorfizados en diferentes animais, para ataca-lo perigoso monstruo Tifón que cun brazo chegaba a Oriente e co outro a Occidente e en vez de dedos tiña testas de dragóns.

Conta tamén a mitoloxía grega que Aqueloo, deus fluvial, pretendía casar con Deianira, filla do rei Calydon en Eolia, a quen tamén pretendía Heracles. Aqueloo transformábase por veces en dragón e por veces en boi. Por iso a Deianira non lle gustaba moito a idea de ter tan incómodo marido. Aqueloo e Heracles pelexaron por ela e na agarrada Aqueloo perdeu un dos seus cornos; daquela rendeuse e renunciou a casar con Deianira a cambio de que Heracles lle devolvese o corno. Heracles devolveulle un corno, pero non aquel senón o da cabra Amaltea (cheo de flores e froitos), o corno da abundancia [525].

---

[524] Algúns sosteñen que ese escudo data do século XVI. Outras tradicións sitúan esta loita entre Hércules e Xerión en Tartesos, cidade que moitos sitúan nas proximidades da actual Cádiz. No escudo de Andalucía figura Hércules como dominador de feras representadas por dous leóns e tamén figuran nel as columnas de Hércules, eses promontorios situados a cada lado do estreito de Xibraltar, que son o monte Calpe e a rocha de Abila. En Sevilla existe tamén a Alameda de Hércules e nela están representadas as dúas columnas de Hércules e enriba delas cadansúa estatua de Hércules e de Xulio Cesar considerados fundadores da cidade.

[525] A cabra Amaltea criara a Zeus meniño ás agachadas para que non o descubrise e devorase o seu pai Cronos. Un día o tal meniño xogando coa cabra tronzáralle un corno pero devolveullo coa promesa de que o tal corno se enchería sempre de tódolos froitos que ela desexase.

13.2.2.3.4. Grecia e Roma: deuses taurocefálicos

O boi, exemplo de fogosidade e de forza, asociábano os antigos coa forza terrible do mar e, polo tanto, co deus do mar (Poseidón, para os gregos; Neptuno, para os romanos) e tamén o asociaban coa forza terrible do viño e, polo tanto, co deus do viño (Diónisos, para os gregos; Baco, para os romanos). E a cada un destes deuses dábanlle-los romanos o epíteto de *táureos* e inmolábanlles bois. *Taurocéfalo* era tamén o epíteto do deus grego Océano e en xeral dos deuses dos ríos, que se representaban con formas tomadas dos bois, símbolos de fecundidade. O mosaico romano, hoxe desaparecido, da rúa Batitales en Lugo representaba unha divindade con cornos, que sempre se interpretou como o deus Océano (aínda que non falta quen pense que ben podía simbolizar alí, en Lugo, o río Miño).

No Imperio Romano tivo gran difusión, como dixemos, o culto a Serapis, divindade loxicamente de ultratumba que tiña o grego como lingua litúrxica e que se representaba en forma de boi cun crecente lunar entre os cornos. Sucedeu nisto o mesmo que pasara coas estatuas de Isis-Hathor, que empezaron tendo entre os cornos de vaca o disco solar e acabaron tendo o crecente lunar.

13.2.2.4. Persia

En Persépolis, a capital da antiga Persia, fundada por Darío o Grande no ano 518 a. C., tamén achamos mostras artísticas relacionadas co boi: en diferentes lugares aparecen baixorrelevos nos que sobresaen androcéfalos (monstros con corpo de animal e cabeza humana); esculturas zoomorfas de bois etc.

13.2.2.5. A India

Para os indoarios os bovinos eran o símbolo da procreación, o *vahan* ou vehículo de Siva e o garda do Solpor. Os vedas aparecen na escultura dacabalo de bois en vez de elefantes. Eran tamén símbolo da vida e o sacrificio. E, dalgunha maneira tamén, símbolo da morte e da inmortalidade. Na India, aínda hoxe o cebú é considerado unha vaca sagrada.

13.2.2.6. A Península Ibérica

Xa aludimos na epígrafe 11.3. ás máis sobranceiras representacións iconográficas prehistóricas e protohistóricas da península ibérica. Nas pinturas rupestres, maiormente nas das covas de Altamira, nos relevos de Clunia [526], nas estatuas ibéricas de Cabezo Lucero (Rojales, Alicante) ou no Toro de Porcuna (Jaén) e nalgunhas moedas ibéricas e altoimperiais aparecen representados bois e uros. Correu moita tinta verbo do significado e a intención destas representacións bovinas: ¿indicios de culto ó boi? ¿ritos máxicos para facilita-la caza? ¿representacións de escenas vividas na caza? ¿memoria gráfica de animais de proverbial fortaleza? Non hai unha única e unanimemente aceptada interpretación para todo ese material prehistórico.

13.2.3. ¿Toda iconografía taurina implica culto ó boi?

O feito de que apareza un boi nunha escultura ou pintura antiga induce a moitos estudosos a interpretalo como evidencia do culto ó boi. E son tantas as representacións escultóricas e pictóricas do boi no mundo antigo, que se fala como de cousa evidente de culto ó boi en todo o territorio indoeuropeo e semítico. Pero esa afirmación repetida e reiterada, aínda sendo xustificada en moitos casos, noutros aínda precisa argumentos sólidos que a confirmen. Esa é a nosa impresión. Un boi impresiona pola súa fortaleza e, mesmo se non é bravo, impresiona pola súa forza mansa. E parécenos que esa é razón suficiente para que o home, comparativamente máis feble, o reproduza en obras artísticas unha e mil veces.

Pero mesmo o feito de que apareza representado en contextos claramente funerarios ou culturais non nos asegura sempre que o obxecto dese culto fose o animal ou un deus descoñecido para nós, do que o boi sería o símbolo visible. Cómpre recoñecer que carecemos dos libros da teoloxía que esas iconas poden representar e que as nosas interpretacións teñen unha boa parte de hipótese. É obvio, por exemplo, que o boi pode aparecer nunha escultura relixiosa representando, de maneira case notarial, unha ofrenda a un deus para nós descoñecido, a outro deus en calquera caso e, sendo así, non sería o boi o destinatario do culto senón a ofrenda. Mesmo pode aparecer representado por motivos aínda máis banais, como elemento decorativo tópico que identifique o contexto no que esa ofrenda se realiza.

[526] Representa a loita dun home cun boi de encornadura cara arriba e cara atrás.

En non poucos casos, ademais, o que temos é unha testa bovina e esa parte da anatomía do animal non sempre permite establecer de maneira indiscutible se estamos ante un boi ou unha vaca.

Non imos negar que en relixións primitivas houbese culto ó boi pero tampouco estamos en condicións de asegurar que tódalas representacións antigas de bovinos sexan testemuño irrefutable de que ese animal era o obxecto dun culto zoolátrico.

13.2.4. A parella de bovinos como símbolo

Xa vimos que en diversas culturas antigas o boi é símbolo do poder; tamén o é da chuvia; e aparece asociado coa Lúa, animadora da vida; o seu brado asóciase co trono; do seu sangue, testículos e medula - din as crenzas mitraicas - naceron animais e plantas.

A estatua da exipcia Isis aparece rematada por tres cabezas de boi, simbolizando as tres estacións nas que se podía cultiva-la terra. A deusa exipcia Isis simbolizaba a fidelidade conxugal mesmo despois da morte e representábase por veces figurando unha vaca ou unha muller con cabeza de vaca ou simplemente cun tocado feito cos cornos da vaca (por veces figurando unha muller amamantando a Horus).

Tamén se di que simboliza a guerra, cando se representan bois enfrontados.

13.2.5. Simboloxía dos cornos

Os estudosos da simboloxía (coma Chevalier-Gheerbrant [527], Biedermann [528] ou Cirlot [529]) cadran en afirmar que no mundo antigo ou primitivo os cornos son símbolo do poder e de forza; e que os do carneiro teñen carácter solar, mentres os do boi teñen carácter lunar. O boi Apis era símbolo de Osiris, deus lunar. Xa os sumerios asociaban os bovinos coa lúa; na Mesopotamia, Sin é un deus lunar con forma de boi; e outro tal acontece en Cambodia ou na India (corno de Xiva). Os cornos dos bovinos son, por unha banda, símbolo do crecente lunar e, por outra, o emblema da Magna Mater, deusa da fertilidade: evocan a forza vital, a creación periódica, a vida inextinguible, a fecundidade. Por iso chegaron a ser símbolo da maxestade real. Os signos zodiacais que abren o ciclo (*Aries* e *Tauro*) están representados por animais dotados de cornos. Tamén significa a agresividade e por iso os xefes militares e os soldados vitoriosos engaden en moitos pobos primitivos un corno ó seu casco ou ó seu tocado de peles: isto foi moi frecuente en Europa ata a Idade Media.

En diferentes linguas as súas consoantes KRN son as mesmas para CORNU e para CORONA, e de feito parece que as primitivas coroas eran diademas con puntas, semellantes ós cornos. Por iso non sorprende que, coma tal en hebreo, a palabra *queren* "corno" signifique tamén "poder" e "forza".

Na tradición xudeo-cristiá os cornos simbolizan a forza e a maila luz, o lóstrego. Por iso, cando Moisés baixa do Sinaí o seu rostro despide *raios de luz* (Éx 34,29.35), que a Vulgata traduciu por *cornos* e, fundados niso, os artistas medievais e Miguel Anxo representaron a Moisés cuns cornechos.

Parece existir algo paralelo en certos rituais chamanistas dos iacutos siberianos: disque antigamente os sacerdotes en trance *bruaban coma touros e medrábanlles na cabeza uns cornos translúcidos*. Pero nos Salmos a corna simboliza a forza protectora de Deus (*Meu Deus, penedo onde me acollo, o meu escudo, a miña corna de salvación*) [530] e tamén a forza agresiva dos arrogantes (*Eu aviso ós soberbios[...]: 'Non ergáde-la corna, non ergades tanto a corna, non faledes con gorxa insolente'*) [531] e, en cambio, ós xustos Deus halles concede-la forza (*Eu farei agromar un corno para David*) [532]. No mundo bíblico os cornos son símbolo tamén do altar [533]. O demo tamén se representa con cornos, pero con cornos de carneiro.

Na tradición grecolatina, Alexandre Magno, coma Diónisos, foi representado con cornos, para simboliza-lo seu poder e xenio, que o emparentan coa divindade, e que debía asegura-la prosperidade do seu imperio. Pan, o deus dos pegureiros, tiña dous cornos na testa. Tamén os tiña Sabazio, deus frixio a quen lle atribuían a domesticación dos bovinos.

---

[527] JC-AG, s.v. *corne.*

[528] HB, s.v. *cuernos.*

[529] JEC, s. v. *cuernos.*

[530] *Salmos* 18,4.

[531] *Salmos* 75,6. Cf. tamén *Salmo* 89,18; 92,11; *Deut.* 33,17; I *Re* 22,11; *Za* 2,4.

[532] *Salmos* 132, 17.

[533] O altar dos holocaustos tiña catro cornos ós que lles atribuían unha santidade especial. O sangue do sacrificio aplicábaselles a eles (Ex. 27,2; 29,12, 30,10) e daban dereito de asilo: un criminal podía agarrarse a eles para eludi-lo castigo (I *Re* 1,50; 2,280).

E xa vimos en 13.2.2.3.3. a historia do corno perdido e recuperado do deus fluvial Aqueloo.

Os romanos representaban os Lares, deuses protectores do entorno doméstico e das encrucilladas, como mozos na punta do pé e cun corno da abundancia. Pero o corno da abundancia, símbolo da profusión gratuíta dos dons divinos e, polo tanto, da felicidade pública, da dilixencia e da prudencia, non é corno de boi.

Para os romanos, unha cabeza de boi sobre a casa era símbolo da paciencia. Os bovinos con cintas nos cornos ou cos cornos dourados eran vítimas para o sacrificio.

Os romanos contaban dun tal Caius Epidius, heroe de Nuceria, que un día desapareceu no río Sarno e que co tempo reapareceu pero cuns cornos de boi na testa, o que eles interpretaron como signo de que se convertera nunha divindade fluvial. Tamén contaban o caso de Genucius Cipus, prototipo do auténtico republicano, que volvendo vitorioso dunha batalla, ó beber nun regueiro veuse reflexado e descubriu que lle saíran uns cornos. Así que ofreceu un sacrificio e consultou un adiviño, quen lle dixo que aquilo significaba que, se entraba inmediatamente en Roma, íano facer rei. Como bo republicano, reuniu o pobo no Campo Marcio (zona exterior á cidade e de xurisdición militar) e pediu que o exilasen. Daquela o Senado, agradecido, ofreceulle en propiedade unha terra e colocou un retrato del cos dous cornos na Porta Rauduscula na dos Muros Servianos. Os gnósticos crían que o corno simbolizaba o principio que outorga a madurez e a perfección de tódalas cousas.

Na tradición céltica Conganchnes ten pel de corno. Quere dicir que era completamente invulnerable, agás pola planta dos pés, onde *corno* simboliza a forza defensiva, como un escudo. Tradicionalmente os cornos figuran na simboloxía militar de moitos pobos antigos ou primitivos, como símbolo do valor de quen pode levalos ou como símbolo de autoridade.

Jung ve os cornos como un símbolo ambivalente: principio activo e masculino, pola súa forma e pola forza de penetración, e principio pasivo e feminino, pola súa abertura en forma de lira e de receptáculo; de xeito que o individuo que reúne na súa personalidade eses dous principios, chega á madurez, equilibrio e harmonía interior.

Hoxe en día, como é ben sabido, os cornos teñen un sentido moi diferente; case contrario: *poñerlle os cornos, poñerlle os chavellos* (*ó* ou *á consorte*) expresa a pública burla da persoa que non conseguiu asegura-la fidelidade matrimonial do seu ou da súa consorte. É unha auténtica inversión simbólica. A explicación é que ou simboliza a excesiva actividade sexual do consorte (o corno como símbolo de forza masculina, pola súa apariencia fálica), ou simboliza o boi, entendido agora como animal capado e sometido a traballo paciente. Algúns propoñen unha terceira explicación: que ese *poñe-los cornos* evoca o casco con cornos que o señor feudal –din eles- colocaba na porta da casa dun súbdito, cando en uso do seu poder acudía a deitarse coa muller deste.

13.2.6. Bovinos na fundación de cidades: o caso de Tebas, de Ilión e das cidades romanas

Na mitoloxía grega son bovinos os que escollen o emprazamento da que será unha cidade importante.

Cadmo, que ía tras Europa, foi consulta-lo oráculo de Delfos que lle dixo que tiñan que abandona-la persecución de Europa e fundar unha vila. Pero para escolle-lo sitio da nova cidade, tiña que seguir unha vaca ata que esta caese desfalecida. Alí era o sitio. Para cumpli-lo oráculo Cadmo botouse ó camiño e atravesando a Fócida viu no armentío de Pelagon unha vaca que tiña nos seus flancos un disco representando a lúa chea. Seguiuna e a vaca chegou á Beocia. Rendida de cansazo, a vaca pousou nun sitio. Nese lugar naceu a futura Tebas.

Ilos, oriundo da Tróade, fora á Frixia a uns xogos organizados polo rei. O premio eran 50 escravos mozos e mozas. Ilos vence. Pero o rei, aconsellado por un oráculo, engádelle ó premio unha vaca pinta e dille que onde a vaca se deite de cansada que alí funde unha nova cidade. A vaca colle cara ó norte e acouga nun coto que hai no val do Escamandro. Alí Ilos funda a cidade de Ilión: a futura Troia.

Roma, que tamén debe o emprazamento a un animal [534], estableceu que a fundación de novos núcleos urbanos seguise un rito que consistía en que unha parella de bovinos delimitaba o perímetro da futura cidade

[534] Na Eneida de Virxilio cóntase que é un animal (neste caso unha porca parideira) a que decidiu o lugar onde se construiría a cidade de Roma. Héleno, fillo de Príamo, recibe os refuxiados troianos que vagaban polo mundo capitaneados por Eneas na procura dun lugar onde poder construír unha nova cidade; e, despois de consultar Apolo, dálle a Eneas unha pista para que poida recoñece-lo lugar que os deuses lle teñen destinado para poder construí-la cidade en terra segura, é dicir, a futura Roma, coa indicación implícita de que antes diso ningún lugar será seguro para eles: "direiche os indicios e ti gárdaos ben na memoria: cando, anguriado e á beira

cun rego que facía cun arado: un boi, polo exterior, e unha vaca, polo interior, representaban respectivamente as funcións do home e o seu traballo no campo e na guerra fronte ás da muller coa responsabilidade dos traballos domésticos.

Habemos ver (13.3.4.) que isto ten pervivencias nas tradicións galegas.

13.3. Simbolismos bovinos en Galicia

13.3.1. Os bovinos na iconografía protohistórica galega

13.3.1.1. Lugo. ¿O minotauro de Creta ou a torre de Hércules?

Na Galicia romana os bovinos aparecen tamén como elemento iconográfico relevante. Xa mentamos en 13.2.2.3.4. o mosaico romano, hoxe desaparecido, da rúa Batitales en Lugo: representaba unha divindade con cornos, que sempre se interpretou como o deus Océano. Non falta quen pense que, en Lugo, ben podía simboliza-lo río Miño.



Mosaico romano de Armañá (Museo Provincial de Lugo).

Máis importante é o mosaico aparecido tamén en Lugo en 1986, na rúa Armañá e que está exposto ó público no Museo Provincial. Lamentablemente non se conserva unha parte importante da escena central: vese á esquerda unha persoa sentada con aspecto e ferramentas de artesán e maila cabeza dun bovino e, á dereita vese parcialmente o que parece un corpo de muller e unha torre. A interpretación de Blanco Freijeiro, certamente moi verosímil, é que representa o momento en que Dédalo, construtor do labirinto de Creta, entrega a Pasífae un becerro de madeira recuberto de pel de vaca. O feito de que apareza unha torre, na que as ventás están a diferente altura, evoca un faro e fai pensar na Torre de Hércules e no encontro de Hércules con Xerión, que acabaría nun enfrontamento no que este morrería ás mans de aquel. Sería o

---

dun río agachado, atopes tumbada no chan á sombra dunhas aciñeiras unha porca grande e branca, e acabada de parir trinta cabezas, e os leitóns brancos todos arredor dos ubres, ese será o lugar da túa cidade, ese é o seguro descanso das túas fatigas":

signa tibi dicam, tu condita mente teneto:
cum tibi sollicito secreti ad fluminis undam
litoreis ingens inuenta sub ilicibus sus
triginta capitum fetus enixa iacebit,
alba solo recubans, albi circum ubera nati,
is locus urbis erit, requies ea certa laborum (*Aeneis* 3,388-393).


inicio da lenda galega segundo a cal Hércules venceu na actual Coruña a Xerión, enterrouno, construíu unha torre (a Torre de Hércules) e os ósos de Xerión serían os que no escudo da cidade herculina aparecen baixo esa torre. Isto xa o vimos atrás en 13.2.2.3.2. Con todo iso, a interpretación cretense de Blanco Freijeiro é máis verosímil [535].

13.3.1.2. O relevo de Becerreá

De antigüidade semellante debe de se-lo relevo que apareceu en Becerreá con ocasión das obras da autovía. É un relevo marabilloso que representa tres bovinos (boi, vaca e becerro) que avanzan en ringleira cara á esquerda. A orixinalidade deste relevo está en que non é, como adoita acontecer, a figura dun bovino senlleiro que impón a súa figura admirable como símbolo de forza e de poder a todo o que ten arredor. Non: o de Becerreá é a representación dunha familia bovina, é dicir, do núcleo dunha grea. Independentemente da intención do escultor que o gravou e que nos é descoñecida, este relevo parece o símbolo perfecto dun pobo gandeiro: o boi, a vaca e mailo becerro.



Relevo de Vilarín, Becerreá (Museo Provincial de Lugo).



Cilindro de Uruk desenvolvido (Mesopotamia, cara 3000 a. C.) (PVi:26).

[535] Pero nese caso sería moi relevante a presenza dun tema claramente grego no Lugo romano. Porque é sabido que ata a aparición da crenza das nosas orixes celtas na fin do século XIX, todos cantos escribiron sobre a nosa prehistoria, incluídos escritores gregos, deixaron dito que os nosos devanceiros eran gregos. Mesmo a tradición asignaba a Hércules a fundación de Lugo (JPG). Sobre este asunto a información máis fiable e máis abondosa está no capítulo "De griegos en Galicia" do libro *Callaica nomina* de Moralejo Álvarez (JJM: 53-88)

É moi raro que apareza o boi en familia: nós só coñecemos un gravado nun selo cilíndrico do ano 3000 a.C. de Uruk (Mesopotamia) no que aparecen tamén tres bóvidos (macho, xuvenca e becerro) (PVi: 26,24) [536].

13.3.1.3. A machada de Cariño


En Cariño atopouse unha machada que ten na cabeza do mango unha cabeza de bovino. Hoxe está exposta no Museo Arqueolóxico da Coruña. Nas cabezas do mango ten candansúa arandela, o que parece suxerir que a machada máis que para usar era para estar pendurada; aínda que tamén ten outras dúas arandelas máis pequenas diante e detrás do ferro. Ignoramos cal foi a función real desta machada: algúns danlle o título de *votiva,* interpretando que foi unha ofrenda a un deus ou deusa; pero tamén puido ser un adorno que alguén levaba colgado ó peito como símbolo dalgún tipo de autoridade. Tamén ignorámo-la antigüidade real, pero o feito de estar exposta nun Museo Arqueolóxico fainos pensar que os expertos a consideran da protohistoria galega.

Lémbrese que en 1609 encontrárase na mámoa de Anafreita, en San Mamede de Nodar (Friol) *una pieza como hechura de un machado y entendiendo que era de oro lo fuera á mostrar á un platero que le dijo que era de metal* (AMS2:98).

13.3.1.4. Esculturas bovinas romanas de Iria Flavia, Vilardevós, Ábedes, Oímbra e Lourizán

En Iria Flavia apareceu en 1982 unha pequena escultura que segundo Blanco Freijeiro representa o boi Apis e que apareceu nos estratos da época flavia (Vespasiano, Tito e Domiciano: 69-96), época á que se vinculan algunhas das vilas galaicas [537] e o inicio das grandes obras de infraestrutura viaria romana na Gallaecia [538]. Para o arqueólogo marinense esta pequena escultura é indicio da presenza aquí naquela época dun dos cultos orientais máis difundidos polo Imperio Romano: o de Serapis. Este culto tiña templos por toda a península, sendo os máis importantes o de Ampurias (cidade grega) e o rupestre de Panóias (Vila Real, Tras-os-Montes) e o grego era a súa lingua litúrxica [539]. A distribución dos testemuños do culto a Serapis fai verosímil a hipótese de que chegou á Gallaecia a través da Vía da Prata (Emerita -Asturica), aínda que, estando Iria Flavia ligada á tradición xacobea (a Iria disque chegaron os restos do apóstolo Santiago por vía marítima [540]), é posible que a chegada deste culto fose por vía marítima, que era a vía ordinaria do comercio.

Outras mostras ou probas teriámolas nos reversos de certas moedas ibéricas e altoimperiais (como as achadas en San Cibrán de Lás) que amosan bois, gravados na súa integridade ou resaltando só a parte da testa e cornamenta.



Cabeza de boi nun capitel romano achado en Lugo (orixinal e debuxo).

[536] No Museo Arqueolóxico de Teherán hai dúas figuras que representan un boi e un becerro pero non podemos asegurar que estivesen orixinalmente xuntas, porque só temos un debuxo (PVi:79,118).

[537] Aquae Flaviae (Chaves), Flavium Brigantium e Flavia Lambris (para a parte da Coruña e Betanzos), Bergidum Flavium (Vilafranca do Bierzo) e Interamnium Flavium (S. Román, tamén no Bierzo).

[538] Obras que continuaron na época dos Antoninos (Nerva, Traxano, Hadriano, Antonino Pío, Marco Aurelio e Cómodo: 96-192).

[539] A inscrición de Panóias está en grego.

[540] ABF:261-267.

Tamén aparece un boi no frontal da Fonte do Valiño, situada moi preto do enclave arqueolóxico da Cidadella (nome parello á Ciadella de San Lourenzo-A Gudiña, e outros moitos), no lugar de Tomonte (Vilardevós). Na fonte aparecen gravadas dúas testas de boi, hoxe bastante erosionadas, pero nas que se aprecia con claridade a cornamenta, as órbitas dos ollos, as orellas, o nariz etc. ¿Que función puideron ter estas pedras orixinalmente? Tense dito que puideron ser parte do friso dun antigo templo romano ou inscrustados nalgunha construción con fins profilácticos.

Na parroquia de Ábedes (Verín), onda o manantío das augas medicinais de Sousas, apareceran en 1580 restos dunha casa romana cunhas medidas de 15 pés de longo e 12 de ancho, que tiña no medio unha columna de mármore e enriba un boi de bronce; disque se conservaba no pazo do Conde de Monterrei pero na actualidade ninguén sabe xa onde para (ARC:306-307).

Na capela de San Roque en Espiño (Oímbra) apareceu unha ara ofrecida a Marte polo veterano *Sulpicius Velinous* e nun dos laterais esa ara ten insculpido un *bucráneo*, cousa que os especialistas interpretan como indicio de que nesa ocasión se sacrificou un boi a Marte, deus da guerra.

Na ara romana de Lourizán (Pontevedra), adicada a Vestio Alonieco, este deus represéntase rudimentariamente como unha cabeza barbuda e con cornos [541].

Engadamos, por fin, que na Gallaecia, coma por todo o imperio romano, circularon moedas que tiñan efixes de bovinos e iso tamén debeu de ser indicio dalgún tipo de reverencia relixiosa ó animal (DMA:302).

13.3.1.5. Simbolismos bovinos que chegaron por medio da cultura cristiá

Como vimos na epígrafe 13.2.2.2.2, o boi é dende antigo o símbolo do evanxelista Lucas. En toda a cristiandade o evanxelista Lucas aparece representado iconograficamente cos atributos dun boi, con ou sen ás. Ese atributo, como dixemos, alude á visión de Ecequiel (1,4-14) na que o profeta percibiu catro seres vivos en feitura aproximada de homes con ás e esas ás tiñan cara de home, de león, de boi e de aguia. Tamén vimos que na península ibérica o boi oscilou entre símbolo de Lucas (o oficial) e símbolo de Marcos (minoritario).

É tamén tradicional que aparezan con atributos bovinos, en función de aspectos concretos da súa biografía, diferentes santos: Cornelio, Eustaquio, Honorio, Tomé de Aquino, Lucía, Blandina, Bríxida, Silvestre e Sadurniño (XFR2: *passim*; tamén en Portugal: DMA:336). Véxase a este respecto o que dixemos na epígrafe 12.1.7. *Recursos á protección dos santos*.

O boi simboliza a forza mansa e por iso algunha vez na Idade Media puido ser figura de Cristo (DMA:344); e no norte de Portugal aínda era posible encontrar non hai moito tempo o chamado *Boi bento* que, enfeitado, tomaba parte nas procesións. (DMA:291). Sobre a significación do boi nas procesións o P. Sarmiento tiña unha opinión ben contraria, tal como espuxemos en 11.4.2.2. En Portugal aínda se documenta outro boi enfeitado que paseaban na véspera da Pentecoste en Colares (DMA:292); no luns da Pentecoste tamén se enfeita un boi en Loreto Aprutino (Italia) (11.4.1.) pero en La Chapelle des Marais (Loire Atlantique, Francia) vai unha procesión de numerosas parellas de bois engalanados na festa de san Cornelio.

13.3.2. A polémica da vaca astral: Amado Carballo, Risco, Roso de Luna

En 1921 houbo unha polémica n'*A Nosa Terra*: Amado Carballo afirmaba que en Galicia houbera este culto, fundado na presenza mítica de Hércules entre nós, tralas vacas de Xerión e algúns topónimos que el considera relacionados co gando (dende Tourón a Cecebre e Libredón) (LAC:7). Vicente Risco negouno categoricamente afirmando que "*... todo o que se diga sobor do culto da Vaca Astral -de catro ou cinco patas- en Galicia, ten que ser pura pantasía, pois non hai indicios históricos, nin arqueolóxicos, nin folklóricos*" (VR4:5). Amado Carballo aínda retrucou apoiándose na autoridade de García de la Riega que vía nos bois que trouxeron o corpo de Santiago a Compostela un indicio indiscutible dese culto (LAC:2-3). Interviu Roso de Luna (RL:3-4) e a cousa quedou así. En 1985 a revista *Grial* [542] na súa sección *O rego da cultura* lembrou aquela polémica na reseña anónima dun libro de Marvin Harris (*Cows, Pigs, Wars and Withches*) que explica as raíces económicas do culto oriental á vaca e aventura que nunha sociedade laica coma a actual o equivalente real pode se-lo automóvil, que chama humoristicamente *vacamóvil*.

---

[541] As interpretacións desta ara non son coincidentes. Blázquez considera que representa unha divindade taurina, Bouza Brey relaciónaa co demo e Blanco Freijeiro co lume, apoiándose na relación Vesta-Vestio. Aparicio Casado (BAC2: 214-215) ofrece a pertinente bibliografía.

[542] *Grial* 88, 1985, 259-260.

En épocas de seca ou fame, ao labrego róndalle a idea de sacrificar ou vender o seu gando, e os que sucumben a esta tentación firman a súa propia sentencia de morte. Si sobreviven á seca, chegadas as chuvias non poderán arar os seus campos. "Parece probable -resume Marvin Harris- que o sentido de sacrilexio indecible que comporta o sacrificio de vacas, está arraizado na contradicción inaturable entre necesidades inmediatas e condicións de supervivencia a longo plazo".

A hipótese do antropólogo conxela o ánimo do mitificador máis audaz, ao que indirectamente se dirixe o noso autor. "Si desexan ollar unha verdadeira vaca sagra, sallan á rúa e observen o automóvil da familia".

13.3.3. Os bovinos en lendas galegas de hoxe que teñen raíces antigas

A tradición oral galega fixo chegar a nós algunhas lendas que, a pesar da súa fragmentariedade, permiten albiscar que en tempos o lendario bovino debeu de ser rico e variado. Xulgue o lector por estas mostras que demos reunido.

Lenda do boi bruón que é un mouro encantado na lagoa de Carregal (Ribeira)

Vímola xa en 4.5.1.

Lenda do magnate que morre rebentado comendo a vaca dunha pobre que non se lle someteu

É a lenda de Pelegrina que reelabora a vella historia do bispo lúbrico e mundanal Eremexildo que roubou a vaca dunha viúva tal como conta a Crónica de Santa María de Iria. Vímola en 6.6.3.

Lenda dos bois de ouro de Videferre (Oímbra)

Unha antiga lenda conta que no fondo dunha cova había uns bois de ouro, xunto a un carro tamén cheo de ouro. Para tentar sacar todo iso ao exterior da cova, tiñan que, dende alí, poñerse tres homes dicindo pecados. Tres persoas intentárono nunha ocasión, pero cando tiñan o carro de ouro na cima da cova, a un deles ocorréuselle dicir: "Gracias a Deus que xa vén aí". Nese momento, de súpeto, o carro voltou outra vez costa abaixo ata o fondo da cova. E alí permanece dende entón, esperando que alguén o saque de alí. [543]

O boi de ouro en Galicia e o boi que polo mar vén busca-los defuntos

Aparicio Casado [544] recolleu dun mariñeiro de Ons a tradición de que na illa había un *boi de ouro* enterrado. O boi vén polo mar dende Ons a terra firme para recolle-las almas dos mortos e levalas á illa cadrando todo co devalo da marea e coa derradeira boqueada do agonizante. Esta tradición, que evoca inevitablemente o mito de Caronte e a lagoa Estixia [545] (e, en certo sentido, tamén o rapto de Europa), está viva en diferentes lugares de Poio, tamén na ría de Pontevedra [546].

En San Xoán de Poio, relacionado co castro de Sividá, preto do río Touro [547], recolleu esta tradición:

No camiño que vai a Renda e ó Xubiño, no lugar de Cabasás, hai un boi enterrado, perto dunha fraga chamada Sividá. Din que alí viviron os mouros e que hai tesouros agachados. O boi de ouro toca cun corno ó camiño e está metido baixo unha viña, pero por riba del hai moito veneno. Contan que fai tempo, sendo camiño carreteiro, pasaba por riba dun corno do boi unha roda de carro.

Noutros lugares do mesmo Poio aparece tamén esta crenza: na Escusa e Riomouro con pequenas variantes; en Samieira o boi aparece vencellado á primitiva campá da igrexa e á gomariza das cepas; en Combarro disque baixo un cruceiro hai un corno de ouro protexido por outro de veleno.

Noutros lugares de Pontevedra tamén aparece a tradición dun boi negro de ouro que disque aparece na noite meiga de san Xoán: en San Xurxo de Sacos (Cotobade) no castro de Cividade e en Oleiros (Silleda) no de Montar.

---

[543] Lenda recollida en Videferre por Xusto, en *Raíces da Terra* 7, maio 1997; Colexio Público de EXB (Oímbra). Publicado en *Raia-seca*:166.

[544] BAC2:212-215.

[545] Sobre Caronte e a lagoa Estixia pódese ve-la fantástica descrición que fixo Virxilio no libro VI da Eneida.

[546] BAC1:471-490.

[547] Hoxe corre oficialmente como Rego do Pereiro, pero os vellos disque aínda lle chaman Río Touro.

Estas tradicións, que por desgraza xa chegan a nós en farrapos, segundo Aparicio Casado sempre teñen relación co mundo castrexo (os míticos *mouros*) e nelas o boi asóciase coa auga e coa viña [548]. Auga e viño son símbolos clásicos da vida e da fertilidade.

O boi enterrado de Baroncelle (Abadín) [549]

Dicían eso, que había un boi aí, enterrado polos mouros.

Porque aquí hai a idea, anque eu creo que non é verdá, os castros foron os celtas, que non foron os moros; aquí dícese que os castros foron feitos polos moros.

O boi de ouro da Arca [550]

Había a piel dun boi mouro chea de ouro e que era de cando os romanos.

-Pero, ¿en que sitio?[551]

-Aquí na Arca.

-¿Aquí en Montouto?[552]

-Si, si, si, nos primeiros barrios que se encontran enriba no alto. Contábase ese conto, conto que, se o houbera, non estaba alí. Seguramente, se se soupera que o había, non estaba alí.

-¿E que dicían ou que acorda vostede?[553]

-Dicían que alí que había unha piel dun boi pero que non sabían a cierto sitio donde estaba. Estaba aí enterrado.

Os bois e o carro de Fonte Miñá [554]

Moitas veces lle dixeron os frades [555] *que en Fonte Miñá, cando lle daban leccións de xeografía, fuxíralle unha parella de bois cun carro e co paisano no carro e que non fora capaz, por un susto, de paralos. E que se meteran na Fonte Miñá que se mergullaron de tal xeito que os veciños, e moita xente, andaron á espreita tódolos días buscando a ver se aparecía algún resto... pero nunca máis nada pareceu.*

Os bois e mailo carro e o paisano sumíronse e nunca máis pareceu nada.

A becerra de prata de Cameixa (Boborás) [556]

No medio do socastro hai unha trabe de alquitrán que toupará en labaradas no intre mesmo en que se lle toque.

No castro teñen aparecido moitas cousas dos mouros e tamén animais vivos que son da súa pertenza. Dunha vez un tal Callobre, que é veciño de Cameixa, encontrou unha ola enteira mais, en canto lle quixo botar man [557]*, desfíxose por si mesma. Os mouros viven no castro por baixo da terra.*

Hai xa tempo que un individuo indo ó pé da Casa Grande viu dous homes que baixaban do castro, montados nuns machos grandes e que traían unha becerra e unha cabra. E os dos machos perguntáronlle por un camiño bo para que non tropezaran os animais.

O home, anque de primeiras [558] *calou, mais despois mostroulles un camiño bo e entón os forasteiros porfiáronlle para que levase a cabra ou a becerra.*

---

[548] Cita que en Portilla la Alta (Alava) recóllese unha tradición semellante, na que *un torico de oro está enterrado bajo una higuera* nun lugar no que se poden contemplar seis ríos.

[549] Abadín4:34. Lenda recollida en Baroncelle.

[550] Abadín4:34. Lenda recollida na Vacariza, Montouto.

[551] Intervención dos recompiladores.

[552] Intervención dos recompiladores.

[553] Intervención dos recompiladores.

[554] Abadín4:34. Lenda recollida en Romariz.

[555] Refírese o informante ós Padres Pasionistas do Convento de Vilaoriente, tamén coñecido como Os Picos (Mondoñedo).

[556] Esta lenda de encantos é do Castro de Cameixa, Boborás (OU) e recolleuna o SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS: *Catálogo dos castros galegos III. Terra do Carballiño*. Ed. Nós, A Coruña 1930, 10-11 (cit. por XMGR: 47-48).

[557] No texto: *,mais en canto lle quixo botar man desfíxose*.

[558] No texto: *de primeira.*

Escolleu a becerra e eles mandáronlle que a levase para a casa, encargándolle moito que non lle tocara ata que estivera nela. Cando chegaron, o home tocoulle e a becerra desfíxose en prata.

13.3.4. Tamén en Galicia se fundan cidades onde unha vaca ou un boi cansaron

A historia conta, como vimos en 13.2.6., que, cando os romanos trazaban o perímetro dunha nova poboación, facían un rego marcando o seu perímetro ou asentamento das murallas. O rego facíao un arado tirado por unha vaca polo interior e por un boi polo exterior, co que marcaban as funcións da muller e do home na economía civil e familiar.

Ben, pois a tradición galega parece conservar aínda algún eco daqueles ritos. Vinte e tantos séculos despois aínda din uns refráns galegos:

A muller na casa e o home na arada. [559]

A muller, que goberne a casa; e o home, a arada. [560]

Pero hai máis. Na Galicia lingüística existen varias poboacións das que a tradición di que o emprazamento actual se debe a que no momento de escolle-lo sitio utilizaron o antigo procedemento de deixar andar antepostos un ou dous bovinos e considerar que onde parasen de seu, alí era o sitio escolleito pola divindade para a súa morada [561]. Talmente coma na decisión de escoller sitio para as cidades de Ilión (Troia) e Tebas. Pois así di a tradición que naceron Compostela, A Franqueira ou Vilafranca do Bierzo.

13.3.4.1. Compostela



Milagre da Raíña Lupa (*Alegoría compostelana*, Camilo Díaz Valiño, Faro de Vigo 24 de xullo de 1927)

[559] XMSH:186; XMSM: 27.

[560] XMSM:27.

[561] Corre unha lenda, aínda hoxe, de que o sistema de confiar no bo criterio do instinto animal empregouse tamén cos burros, nos que se confiaba para deseña-la ruta máis cómoda para subir a un monte ou o mellor camiño entre dúas aldeas afastadas: neste caso chegaba con levar un burro dunha aldea á outra e deixalo voltar de seu, coa seguridade de que o camiño que escollería había se-lo máis curto e cómodo. De feito, existe unha sentenza islámica que vén dicir que *Segue o burro e atopara-la túa aldea; segue unha cabra e caerás nun barranco*.

Di a tradición que, cando os discípulos do apóstolo Santiago chegaron co seu corpo a Iria ou Padrón, pidíronlle á raíña Lupa, señora daquelas terras, un lugar onde enterralo. E que ela déulle-lo permiso se daban xunguido certos bois, que eran bravos, ó carro no que querían traslada-los restos do apóstolo. O caso foi que os bois deixáronse xunguir polas boas, coma se foran mansos, e andando antepostos, sen que ninguén os chamase, chegaron a onde está a cidade de Compostela e alí pousaron. Ante tal prodixio a raíña Lupa disque se converteu ó cristianismo [562]. Amado Carballo vía nesta tradición un indicio dun vello culto á vaca astral (13.3.2.).

Esta relación entre o carro e o apóstolo vive aínda nun ensalmo contra as treboadas que recolleu Manuel Murguía (*Galicia*, p. 205):

Pico Sagro, Pico Sagro,
que te consagrou
o bendito Santiago
cos seus bois
e co seu carro,
líbranos de iste fogo airado,
pola intercesión da Virxe María,
un Padrenuestro e un Ave María.

13.3.4.2. A Franqueira



Virxe da Franqueira (Álvarez de Sotomayor).

O santuario de Santa María da Franqueira (A Caniza), xa existía no séc. X. A tradición di que unha pastora viu unhas luces nun lugar (coma na Pastoriza, en Chamorro, no Corpiño e en Compostela). Foron alí e descubriron unha imaxe de santa María. Disque foi santa María quen sinalou o lugar onde ergue-la súa ermida co procedemento duns bois cos ollos tapados que a levaron nun carro (caso parecido a santa Eufemia, Maura, Santiago e Vintil) deica preto dunha fonte. Por iso de primeiras chamouse *Nosa Señora da Fonte*. Este relato é unha pervivencia da Grecia antiga.

Risco (VR1:389-396) cóntao así:

> *Asegún o P. Villafañe, aparecéu na vila do seu nome, nunhas pedras –nas que fora escondida- perto do mosteiro de bernardos, onde hai unha fonte e un regueiro. Por esto lle chamaron da Fonte e despois Franqueira, de Franca, 'polos seus favores'.*
>
> *A aparición refírena outros (Dr. L. Rodríguez Sobrino) diste xeito. Unha velliña que levaba a pacer o gando no que logo se chamou 'Coto da Vella', unha noite, ó se recoller, viu un resplandor no máis irto e viu a imaxe*

[562] XLF3:72.

entremedio dos penedos, entre os términos de Luneda e Franqueira. Alí non se podía facer capela. Disputaron as dúas aldeas a quen había leval-a imaxe, e para pór paces, acordaron de poñel-a Virxe e mailas pedras nun carro do país, con xugadas dos diversos lugares levando os bois os ollos tapados e indo sin que ninguén os guiara. Os bois deron moitas voltas e, por fin, "franquearon", colleron o camiño máis "franco" cara o que logo se chamóu –por esta causa- "Franqueira".

…

O costume de ir a Virxe nun carro de bois na procesión debe ser lembranza daquil episodio.

…

A Virxe está xa no seu carro de bois, que estivo outrora pintado e dourado; hoxe tén a pintura perdida, caeulle toda. … Despóis da misa maior, sae a procesión. Xunguen no carro da Virxe tres xugadas de bois, cubertas cunhas ricas galdrapas de seda branca, de mañífico tecido a cadros, e as molidas levan unhas cubertas tamén de moita riqueza. As aguilladas teñen os pinchos de ouro.

Enantes de saír, e namentras dura a procesión, púxanse as aguilladas, e algús que conseguiron levalas todo o tempo, deron por elo 300 e 500 pesetas [563].

A santa sae en procesión nun carro de bois (lembranza do relato da invención) e a xunta vai moi enfeitada. Diante dela represéntase unha disputa teolóxica entre cristiáns e musulmáns e, como estes non ceden das súas ideas, a disputa acaba nunha pelexa na que morre o mouro Binatem.

13.3.4.3. Vilafranca do Bierzo

Finalmente é moi coñecida a tradición da fundación de Vilafranca do Bierzo no seu actual emprazamento como se ve no refraneiro:

Onde a vaca branca vaia face-la súa enfoscada, eilí iremos nós a face-la nosa mallada [564].
Onde pare a vaca branca, eilí se alevantará Villafranca.

Aquilino Poncelas Abella recolleu en dúas ocasións os relatos populares da fundación de Vilafranca do Bierzo. Na primeira ocasión, 1993 (Bierzo1:18), refire dúas versións: unha narra a fundación de Vilafranca onde para a vaca Branca e a outra especifica a artimaña de corta-la pelexa da vaca nunha tira longa que permita delimitar un territorio maior do previsto polo xefe do lugar. Tamén recolle a mesma lenda de Francisco García Pérez e de Emilio Barcia Meraio: este segundo cambia a vaca por un boi:

Logo qu'a aurora despuntara de certo día da outonada, caeron sobre aqueles montes unhas augas brancas que por todel quedaban cualladas, o que sabido polo marqués mandou que se soltase un boi da súa mallada e que seguíndolle todos sen estorbarlle fixéronse outras casas e un castelo no paraxe que escolleron para descansar. O boi conductor escolleu as ribeiras do Burbia, Villafranca.

Na segunda ocasión, 2004 (Bierzo2:158-160), Poncelas Abella presenta un relato complexo no que funde as dúas tradicións orais. Reproducimos esta por se-la máis completa.

De como xurdiu Vilafranca

Unha lenda que inda se lles acorda ós abolicos, e que de igoal xeito que ma dixeron cha cunto, fala da orixe de Vilafranca do Bierzo. A pe dela de gana aparece tamén outra que narra o nacemento de Porcarizas, fundación aposta a un marraneiro que empezaría por afincarse na primitiva Alzada. En torno á formación de Vilafranca do Bierzo existen versiois deferentes que, se ben todelas mantein a mesma liña argumental, cada unha amáñaa e desenvólvea á súa maneira. Hoxe quero relatarvos unha delas.

Daquela, a pita montesa invernaba sen suchapas nas murteiras de acebos e teixos da Serra dos Ancares; a aiga reinaba esplendoroso polas gumes da Aquiana, sobrevoando, cada pouquín, o Nevadín, Mustallar e Xestoso, auténticos bastiois do seu reinado berciano; e mentres o indómito xabarín fozaba ás súas anchas por entre os soutos de castañeiros, o oso, o cervo e demáis conxéneres [565] recorrían felices as murteiras de rebolos.

[563] Téñase en conta, para valora-la cantidade, que este texto de Vicente Risco viu a luz en 1962 pero é anterior a esa data.
[564] Bierzo1:18. Este refrán recólleo de Francisco García Pérez en *Crónicas do Bierzo.*
[565] No texto: *conxégeres*.

Abaixo, no chancelón, as retortas do Sil, como un collar de ouro, botaban cechos bremellos, mostrando ó vento o que Leitosa e Médulas ocultaban inda nas súas entrañas. Resultaba, pois, o Bierzo ser un xigantesco conco no que brotaba un verxel sen comparanza, coroando as súas paredes tesos de infurable fronda.

Polo tempo aquel, nun lugar da braña cimeira de Pedra Cabalar, conocido polo Castelo -inda hoxe se conservan os paredois pra dar fe da súa existencia pasada-, moraba, dedicado á cría nza de gado, un señor co seu servicio.

Naquel pequeno paraíso con exhuberante vexetación, campos orvallados pola mielga e benino clima, vivían todos felices, hastra que unha nova circunstancia veu a poñer en peligro aquela estanza pracenteira.

Unha noite, mentres todos durmían, unha das vacas, a "Branca", non deixou de muñar. Ensoutro día á polamañá, ó erguirse o criado principal pra acende-lo lume como de costume, catou perplexo cómo un farnusco leitoso mulira todo o campizo.

O criado, presentándose onde o amo, díxolle:

- *Un extraño maná branco como os ganzos acobulla todo o vale, e con el un frío desconocido chegou*.

Contemplou o amo aquel novo paisaxe e, sen o asombro do criado, exclamou:

- *Son as neves que quedaran de vir e vein. O arrés predecírao millor que naide*.

Polos orredores, con voos rápidos e desatabarados, as aves resgaban o aire cru da polamañá, buscando subeiro baixo as casas e os sous beiramentos, e o tempo que un gamo facía olgas por vez primeira naquela fría alfombra, un osín acexaba perplexo o horizonte de armiño.

O amo, logo de axuntar toda a súa xente, informouos que habían de buscar outros emplazamentos, pois o que acababa de suceder non lles deixaría amallar eilí por muito tempo. Así pois, cos gados e enseres, fóronse desprazando da braña cimeira á fondeira vale abaixo, hasta que a vaca Branca detuvo o seu camiñar.

Todos interpretaron que aquela parada representaba o señal de asentamento, pero a vaca, de eilí a un tempo, emprincipiou de novo o viaxe. Aquela primeira mallada supoñería o apousadoiro da actual Teixeira, e as sucesivas paradas darían lugar a Vilar, Veigueliña, Ribón, Ponte de Rei e demáis pueblos do valgón.

Nas arredores do que na actualidade ocupa a vila de Vilafranca, detúvose finalmente a vaca Branca. Mais aquelas terras, inda vírxes, tiñan por señor a un dos xefes tribais do territorio berciano, e sen a aquiescenza del naide ousaba esbarrar eilí. Así que o amo, acompañado do seu criado, foise hastra onde o principal moraba e solicitou del premiso pra afincarse nos seus dominios.

- *¿Qué sitio che fai falta*? -preguntoulle o xefe da tribu.

- *Señor* -manifestou o amo-*, co que ocupe unha pelica de vaca, bóndame*.

- *Sendo namais eso todo o que pides, concédocho á túa cabeza e pra todo o tempo*.

Endoutro día enviou o xefe un ouservador pola mor de[566] facer indagaciois: sintía unha enorme curiosidade por comprobar cómo pensaba o visitante instalarse en tan pequeno pedazo. De seguida regresou o mensaxeiro pra anunciar ó señor que os recén chegados esparramáranse polo que hoxe ocupa o castelo cos seus alargos.

Fúi o amo levado ante a presencia do xefe berciano e, interrogado acerca do que crían un incumplimento do forasteiro, éste, mostrándolles un longo amallós, díxolles:

- *Eiquí tede-la pelica da vaca*.

O astuto home sacrificara a vaca Branca e, da súa pelica, desque atalicada en finas tiras, conseguira fabricar un xigantesco amallós co que trazara os lindes da súa propiedade. E como non infrinxira en nada o acordo, tuvo o caudillo que acepta-la situación.

Sendo como foi o amo o artífice de tal fazaña, e a vaca Branca a súa fiel colaboradora, un dito, reflexo e síntese do acontecemento, axúdanos a acordarnos de que *Onde pare a vaca Branca, eilí se alevantará Vilafranca*.

[566] No texto: *pola morde*.

13.3.4.4. Arteirada dos franciscanos de Compostela cunha pel de boi

A tradición compostelá conta como os frades franciscanos conseguiron que o poderoso mosteiro benedictino de San Martiño Pinario lles cedese unha horta para a súa supervivencia delimitando o terreo cunha pel de boi a cambio dunha cesta de troitas que pagaban anualmente con moita cerimonia.

> *Na refenda de Cotolay e da terra do mosteiro de San Martiño* [Pinario], *no Val de Deus e no Val do Inferno, que todos sabedes de coro, pode haber algo de conto topico, como aquelo de que o Santo* [S. Francisco] *pedía* [para funda-lo seu convento] *o que coupese na pel dun boi, e que logo partíu a pel en tiriñas moi finas e apañóu dos poderosos monxes* [de San Martiño] *unhas leiras con cabida de moitos ferrados de sembradura* (XFV4:171-174).

Da impresionante doazón dá idea o feito de que no século XX a horta do antigo mosterio de San Martiño Pinario representaba o 20% da horta do veciño convento de San Francisco.

13.3.5. Bois na orixe doutros lugares de culto: san Vintil, santa Eufemia, san Nicolao de Saamasas e santa María de Soutolongo

Se os bois teñen que ver co culto da Nosa Señora da Franqueira, tamén interveñen no culto de san Vintil († 890), ermitán galego de moita sona, que dende pequeno se sentiu inclinado á vida solitaria; abandonou a casa dos pais e entrou nun mosteiro, do que se retirou máis tarde para vivir unha vida de anacoreta en Punxín, onde, por santo, disque realizou xa en vida numerosos milagres. Dende hai séculos celébrase en Punxín unha romaría o primeiro domingo de Pascua; e no luns de Quasimodo celébrase o traslado do seu sartego, conmemorando o feito de que os bois que deixaran andar antepostos decidiron parar no sitio en que hoxe se levanta a ermida, de orixe románica.

Os bois interveñen tamén no vello culto de santa Eufemia, titular de moitas das máis antigas parroquias de Galicia. Díxose que era unha santa galega distinta á de Calcedonia; de feito, asegúrase que o seu corpo repousa nunha das capelas laterais da catedral de Ourense. Eis a tradición: Santa Eufemia, que dá nome a unha serra nos lindeiros de Portugal, entre a do Xurés e a do Quinxo, padeceu por alí o martirio en tempos de Adriano; o sepulcro apareceu alí en 1060 e tiña unha man fóra cun anel; unha pegureira quitoulle o anel pero quedou sen fala ata que o volveu poñer na man que saía da terra; unha voz do ceo díxolle que alí estaba enterrada santa Eufemia; viñeron de Galicia e Portugal autoridades eclesiásticas para levalo cadaquén á súa igrexa e, coma no caso da Franqueira e Santiago, decidiuse poñe-lo corpo nun carro e deixar que os animais tirasen para onde quixesen e facerlle unha igrexa onde os bois cansasen: os bois colleron para Ourense e pararon preto da vila onde estivo ata hai pouco unha capeliña; co tempo levouse para a Catedral.

Os bois e os carros están presentes tamén na haxiografía popular galega [567].

É coñecida esta cantiga:

San Isidro labrador,
que anda arando no campo;
a santa Eufemia bendita
vaille de diante do gado. [568]

---

[567] Quen ten que ver, nestes casos, con algúns santos galegos non son os bois senón o carro de bois. Así, na vida de san Rosendo. Cóntase que, cando naceu san Rosendo, os pais querían bautizar en San Salvador de Monte Córdova (Portugal), porque alí tivera a nai a revelación de que tería un fillo. Aparellaron un carro para levar ó templo a pía bautismal e nisto o carro desconxuntouse e a pía foi aparecer milagrosamente dentro da igrexa de San Miguel, que se construía había pouco. Coñecendo no milagre a vontade de Deus, bautizaron alí o que había de ser fundador do mosteiro de Celanova. No coro de Celanova está tallada a escena do esnaquizamento do carro. Con San Francisco Blanco tamén pasou que, vindo un día do monte cun carro de estrume, despistouse, o carro deu a volta e o pai foi á aldea na procura de quen o axudase a erguer. Cando chegou con xente, viu que o carro xa estaba en pé porque os anxos atenderan as oracións do cativo e xa o ergueran. Na capela dos Remedios, á entrada de Ourense, cóntase o milagre doutro carro que tamén deu a volta pero, neste caso, caíndo enriba dun neno. O pai rezoulle á Nosa Señora e, cando ergueron o carro, descubriron que o carro que caera enriba da criatura non lle fixera mal ningún.

[568] LimiaB:141. Xaquín Lorenzo explica que se refire á situación respectiva de dúas ermidas adicadas a estes santos na parroquia de Manín. É curioso o troque de Santa Eufemia por Santa María da Cabeza, muller de San Isidro, explicable pola intensa devoción que nesta terra se lle ten á primeira, da que se encontrou o corpo na raia, na serra que leva o nome dela e onde está a parroquia de Manín. No índice toponímico engade: *San Salvador de Manín ou Trasportela é parroquia do concello de Lovios. Aséntase ao pé do monte de Santa Eufemia, na serra do Xurés*.
Ben coñecida é a lenda de san Sidro, labrego madrileño do século XI, ó que viñan substituí-los anxos no arado cando el tiña que parar para rezar. Pola súa banda, a relación co gando de santa Eufemia, martirizada e enterrada en Portugal, explícase porque o corpo dela foi colocado nun carro de bois para que estes decidisen o emprazamento da igrexa, e así chegou ata as inmediacións de Ourense (XFR2:255 e 484).

A mesma tradición encontrámola en San Nicolao de Saamasas (Lugo), antigo mosteiro do século X do que aínda se conservan algúns relevos visigóticos de mármore que representan o feito de que, coa chega do Mesías, haberá tal paz que pacerán xuntos o oso e mailo becerro, segundo profetiza Isaías (11,7). A tradición di que a construción da primitiva igrexa e antigo mosteiro estaba prevista nun lugar máis próximo ó río; pero que, cada vez que se poñían en camiño os bois que levaban a pedra, non paraban ata chegaren a un lugar máis alto e máis afastado do río, medio quilómetro máis arriba, que é o lugar onde finalmente se decidiu construí-la igrexa de San Nicolao de Saamasas. XRMF expresa así a crenza que latexa detrás de todas estas tradicións:

> *los animales no se comportan según su propia voluntad, al carecer de racionalidad, sino de acuerdo con la voluntad de los santos* (XRMF5:72)

E tamén se rexistra na localización da cruz parroquial de Santa María de Soutolongo (Lalín) que aparecera no Castro de Soutolongo ou Aurela do Castro:

> *Os veciños din que a fixeron [a cruz parroquial] os mouros e que a enterraron no castro, donde apareceu enterrada e atopouna un labrego ó traballar o campo, mais como o castro está entre Vilatuxe e Soutolongo, xurdiron problemas de a cál parroquia pertencía a cruz e houbo loita entre os dous pobos, polo que acordaron poñela sobre un carro e que a cruz fose da parroquia na cal parase, facéndoo na de Soutolongo* (BAC3:107 [569]).

Aparicio lembra que esta tradición (que el prefire chamarlle atlántica e non especificamente céltica, pero que, como vemos, é indoeuropea) tamén aparece nas Illas Británicas: Liban vén ser unha especie de serea cristianizada e os habitantes daquela terra non sabían onde depositala, apareceulles un anxo que lles dixo que que á mañá seguinte había de aparecer alí unha parella de bois, que os tiñan que xunguir e poñer ó carro, que tiñan que poñer Liban no carro e deixar anda-los bois antepostos e que onde eles parasen, alí era o lugar axeitado (BAC3:107).

13.3.6. Simboloxía da vaca na fraseoloxía e na tradición oral galega

¿Qué imaxe da vaca ofrece a fraseoloxía galega actual? Na vaca vese como moito a súa condición de animal benéfico. A vaca é símbolo das grandes dimensións (*beber coma un boi* [570] */ unha vaca / as vacas na carrada / vaca sedente; comer coma un boi / unha vaca*); ou da intensidade (*bruar coma un boi sen capar / un touro*). Tamén é referente da gordura (*(estar) gordo coma un boi / unha vaca; ter cintura de boi*). Por iso *ter lengua coma a vaca rabo* significa falar moito. E por iso se di dalgunha muller que *ten máis leite que unha vaca.*

Pero tamén é símbolo da nudez (*(andar / estar / ir) en coiro coma unha vaca*), e da liberdade (*andar solto como vaca sen choca);* da servicialidade (*dar a todo coma a vaca do pobre*) e do traballo escravo (*andar ás dúas mans coma a vaca do pobre; andar coma os bois*).

A vaca e o boi son referentes da calma, lentitude, tranquilidade e firmeza (*ter tanto bazo coma unha vaca / a miña vaca*, *a paso de boi*) e tamén da preguiza (*ser coma o boíño de Outes, que folgando escornouse / os bois de Búa, que, cando ollan para o carro cargado, xa súan / unha vaca / unha vaca cansada*). Curiosamente algún elemento pode ser símbolo do contrario: da inquedanza (*andar coma o rabo da vaca no mes de agosto*), da indefensión (*ser coma vaca sen rabo*), da retranca (*ter máis entrefollos que unha vaca*), ou do inacabable (*ser como a vaca vella: sempre cocendo e sempre crúa*).

A mirada da vaca inspira a sensación de desconcerto e abraio (*quedar como unha vaca mirando para o tren*) e do atrapallamento (*ser coma a vaca da tía Ramona*).

Tamén o leite se utiliza como referente da palidez deostada no mundo rural tradicional (*cara de leite fervido, cara de leite callado*) [571].

---

[569] Cita información procedente do Ficheiro Arqueolóxico do Museo de Pontevedra, caixa Lalín.

[570] O suliñado dentro de todo este parágrafo 13.3.6. quere indicar que tamén se sobreentende co referente que aparece despois da barra inclinada. Así *beber coma un boi / unha vaca / as vacas na carrada* hai que lelo como *beber coma un boi, beber coma unha vaca, beber coma as vacas na carrada.*

[571] *No inverno, isa luciña de candea semella unha gran luzada coma de leite cuallado, máis deslumbrante que os curutos da Serra de Queixa polo Nadal* (MCN:93). *Asta que da terra emprincipiou a saír aquela luzada branquicenta de leite cuallado que aínda se albisca alá lonxe, alá lonxe...* (MCN:95).

O lector atento xa puido ler neste mesmo capítulo estas e tódalas outras referencias fraseolóxicas ó gando vacún, que nos debuxan unha visión peculiar galega, distinta, por suposto, da vixente hoxe na India pero distinta tamén da vixente noutros puntos de España. A mirada castelá parece dirixirse sempre ó macho. A mirada galega diríxese preferentemente á femia. Quizais isto teña que ver co feito de que en Galicia o 99% dos machos bovinos non chegan a face-lo ano de idade. Con todo iso, se pousámo-la vista cun pouco de calma nas nosas crenzas e ritos tradicionais, percibiremos elementos que, aínda hoxe, evocan crenzas e ritos antigos que vimos na epígrafe 13.3.3., sen que isto nos permita afirmar que as nosas sexan pervivencias máis ou menos deformadas daquelas.

Véxase por último esta descrición da masonería que en 1885 facían os galegos da Habana utilizando unha adiviña portuguesa da vaca.

> *Critícase unha publicación portuguesa (Gazeta Maçonica) na que din que a masonería nin é asociación relixiosa, nin política ni de socorros mutuos pero que ten algo das tres. E comenta: Como si dijéramos lo del cuento: "... tinha ollos de boy é non era boy; cornos de boy é non era boy; coiro de boy é non era boy etc.* [572]

13.3.7. Ritos e sacrificios rituais de vacas

En Galicia quedan dous casos ben coñecidos de sacrificios rituais de vacas. Un en San Cristovo de Viñas (A Coruña) que, cando vén vindo o día do seu patrón, mercan un becerro ou becerra, mátano e despois cómeno en familia en festa campestre e a esta res chámanlle *chapreira*, como di o refrán local: *San Cristovo logo chega, imos mercando a chapreira* [573].

O segundo caso, moito máis ritualizado, é a *Festa das sete vacas en Tebra* que describe con detalle Franco Grande [574] e da que xa falamos no capítulo da cociña (6.6.5.2.).

13.3.8. As vacas no entroido

Non imos dicir que o entroido galego proceda da mitoloxía grega; pero si que é sorprendente que, así como na mitoloxía hai deuses e deusas que se transforman en bois ou en vacas, no entroido galego tamén hai homes que se disfrazan de vacas.

Vén ó caso que lembremos que o entroido galego ten unha peculiaridade: na Galicia tradicional o entroido non é unicamente unha inversión de valores; é tamén unha inversión da estética. No entroido galego o feo e o estrafalario triunfa; a xente disfrázase con farrapos e deambula en silencio ou con voz finxida para que non a recoñezan, comendo e bebendo o que lle ofrecen en cada casa. Estamos moi lonxe da busca da beleza requintada do *carnevale di Venezia* e do esplendor da beleza física do carnaval do Rio de Janeiro. É outro mundo.

13.3.8.1. O xogo das vacas en Barizo (Malpica)

O entroido en Barizo (Malpica) ten un xogo específico: o xogo das vacas. No lugar onde se vai desenvolver, normalmente unha finca en barbeito, colócase á hora convida (tarde do martes ou do domingo) unha bandeira ou un trapo mangado nun pau alto. Tódolos actores do xogo deben de ser homes: dous farán de vacas; un, de arador e dono da finca ou das vacas; un, de chamadora das vacas; un, de sementador; un ou varios, de veciños estremeiros; un ou máis, de compradores das vacas; un, de veterinario; e un, de muller do dono das vacas. A vestimenta non está fixada pero debe axudar a identificar claramente o papel representado.

As vacas deben de ser dous mozos robustos, porque teñen que soporta-lo xugo, tirar polo carro e o arado, levar paus, desmandarse etc. pero tamén teñen que ter sentido do humor para se deixaren apalpar polo veterinario e levar un ubre feito cuns guantes de goma cheos de leite.

O arador, dono das vacas, do arado, do carro e da finca debe representar un papel de moito carácter, amigo de que as cousas se fagan ben feitas pero, como aguillada, leva unha cana.

A chamadora ten que representa-la persoa máis fea e estrafalaria pero chistosa, inxenua, pícara e amiga de todo tipo de chanzas. A vestimenta ten que ser feminina e provocadora ata o ridículo.

---

[572] Un grupo de rock actual aínda ten unha canción estirando esa letra indefinidamente.
[573] VLLM:2,22.
[574] Tebra2:10-34.

Os outros personaxes van caracterizados con indumentaria que os identifique e simulan nos actos a súa actividade, as discusións. A muller do arador aparece cun fillo no colo e outro en xestación levando a merenda ós traballadores. Toda a acción e diálogo parodia a realidade cotiá da maneira máis humorística e picante posible pero tamén representando o máximo de desgoberno posible entre tódolos actores, para que haxa caídas, trompazos, carreiras e así rían todos a esgalla. O arador, ó parodia-la sementeira, sementa serrín que tira ó chan pero tamén á xente. O público non é alleo senón que se implica nos diálogos e a festa é o triunfo da liberdade, da picardía e do enxeño. A aparición dos compradores de gando cos seus diálogos arteiros, as apalpadas das vacas para comproba-la forza que teñen e a capacidade leiteira é un dos momentos máis esperados. Chega a hora de xantar e aparece a comida, pero están en pleno releo cos tratantes para a venda da vaca e nada se pode rematar sen o consentemento da muller do arador. Non haberá acordo cos tratantes e as vacas volverán á casa.

Romero Masiá e Pose Mesura (Barizo) relacionan este ritual coas *aradas*, rito agrario que Risco recolleu en Moreiras (Toén) consistente en poñérense dous homes con testas de vaca xunguidos a un arado e andaren arando a praza ou campo da festa da aldea (VR1:626-627).

13.3.8.2. Vacas no entroido lugués: Os Ancares e Carballedo

O Entroido ancarés incluía unha parella de bois, simulada, naturalmente, arando polo medio da xente e o amo remedaba a sementeira do pan botando presadas de borralla nos espectadores [575]. No concello de Candín, nos Ancares leoneses, González Reboredo e González Pérez [576] recollen estoutras máscaras:

> *En Espiñeireda o martes de carnaval facíase unha mula e unha vaca, que era un que poñía cornos de vaca ie úa colcha... ie facía de vaca... A mula imitaba úa mula (auténtica), iban dous; o de diante levaba un mazo ie daba golpes... Logo iban outros que levaban un caldeiro con borrallo ie sementaban o borrallo.*
>
> *En Pereda corrían o entroido cunha mula ie un boi; a mula era úa cabeza (que imitaba ó animal) con chocas ie metíanse dous debaixo pa facer o corpo; o boi igoal ... había outro que botaba ceniza, tirándoa como na sementeira, ie outro facía que araba con dous que facían de vacas...*

Vicente Risco cóntanos que en Cartelos (Carballedo)

> *teñen unhas 'cabezas de touro', que gardan dun ano pra outro, feitas cun armadelo de pau cuberto de pelica de ovella e con cornos de vaca, e lévanas na cabeza pra saíren botando as formigas. Hai outros lugares nos que adoitan disfraces semellantes* (VR1:626).

13.3.8.3. Vacas no entroido ourensán: Laza e Cualedro

Laza conserva un dos entroidos máis arcaicos. Unha das máscaras máis características do Entroido en Laza é a *Morena*, representada por un home cuberto cunha manta e cunha cabeza que imita a dunha vaca. Sae ás rúas o luns de Entroido buscando as mozas para levantárlle-las saias cos cornos. Os acompañantes da *Morena*, sempre homes casados, fan que a queren arredar baténdolle nos cornos cos toxos que levan, pero como simultaneamente as mozas botan as mans ós cornos para impedir que lles levante a saia, son elas as que levan os xostregazos dos toxos.

Rivas Quintas [577] describe o disfrace da *Morena* como un home encorvado, coma se andase a catro patas, e cunha cabeza de vaca de grandes cornos cos que intenta escorna-la xente. Clodio González [578] cita a presenza da *Morena* tamén en Larouco e Oímbra e engade que, segundo algúns autores, a máscara pode ter relación cunha semellante que saía en Roma no mes de marzo e que xa fora condenada polos cristiáns.

A práctica deste disfraz debe de ser moi antiga, porque diferentes concilios e escritores cristiáns dos séculos IV ó VII condenaron, e por esta vía indirecta testemuñan que a práctica de se disfrazar de becerro estaba viva en diferentes puntos de Europa no primeiro día do ano e que aquelas festas tiñan moito de licenciosas [579].

---

[575] Ancares2:167.

[576] Ancares:141.

[577] ERQ2:97.

[578] CGP3:54.

[579] Diferentes escritores cristiáns dos séculos IV-VII condenan a libertinaxe do primeiro de ano, coma tal, o Concilio de Auxerre de final do século VI: *Non licet kalendis Ianuarii vetulo aut cervulo facere vel strenas diabolicas observare, sed in ipsa die sic omnia beneficia tribuantur, sicut et reliquis diebus* ["Non é lícito disfrazarse de becerro ou de cervo nin observar agoiros diabólicos no primeiro de ano"] (*Concilium Autissiodorense hab. circa 561-605*, ed. Clercq (Karel De), CC, SL, 148 A, Turnhout, 1963, p. 265). XTC1:131 cita incluso unhas *Exhortationes* de San Eloi no século VII nas que pide *que ninguén se disfrace nas kalendas de xaneiro nin de becerro nin de cervo*.



A Morena do entroido de Laza (Xosé Rodríguez Cruz).



Peliqueiros de Laza.

Tamén, dentro do Entroido de Laza cómpre menciona-la *toura-boura*, que consiste na representación dunha liorta entre os cigarróns de Castro de Laza e Vilameá (ós que os veciños de Laza alcuman de *leiteiros*, porque din que se manteñen de leite e bica) e os homes e mulleres de Laza. Aqueles colócanse en rolda ó redor dos veciños para zorregarlles.

Risco e Xaquín Lorenzo [580] recolleron estas dúas cantigas:

Anque chova e anque neve,
a Morena ha de sair,
e se sigue así chovendo,
vámonos a volver patos
non teremos piliqueiros
nen tampouco maragatos.

Catro cousas que hai en Laza
non s'atopan n-outra terra:
piliqueiros, maragatos,
as formigas e a Morena.

En Cualedro hai algo que semella o xogo das vacas de Barizo. Recóllenolo Risco [581]:

Disfrázanse con pieles de becerra, sen camisa, atadas cun vencello de palla, coa piel pra fora e o pelo pra dentro. Pônse ao millor dous cun jugo e un arado, e andan facendo que aran. Un fixera unha gaita co vientre e as tripas dunha becerra, e dáballa a tocar a outro e apertaba pra que saira a basura.

13.3.8.4. Vacas no entroido pontevedrés: Merza, Cotobade, terras de Deza e de Tabeirós

Como se ve, non é a *Morena* a única vaca presente nos carnavais, aínda que sexa a máis sonada. Nas *cencerralladas* do Entroido aparecen moitas veces referencias ó boi ou á vaca. Así no entroido de Merza (Vila de Cruces) o *Vello dos cornos* que, vestido coma calquera outro veciño, leva unha

[580] VR6.
[581] Cuale.:108.

máscara feita con cortiza, pel de ovella e uns cornos de vaca, manexa un pau longo que na punta leva uns grandes cornos e outra pelica de ovella e con eles acosa as mulleres entre as risas duns e doutros (VG2 16.02.2009) [582].

No entroido de Cotobade os lanceiros van de a cabalo diante da *momada* e levan cornos de diferentes sons e, ás veces, acompáñaos o gaiteiro [583]. E no martes de Entroido que describe Nicolás Tenorio [584], vai diante o zamarreiro con paus e trapos sucios, detrás *a vella* (home vestido de muller cun cesto de borralla que lle vai botando á xente) e outro que leva un gran corno de boi ou vaca adosado ó extremo dunha cana co que produce un son rouco e prolongado, e finalmente un monicreque de palla, do tamaño dun home, que lle chaman o *intrudio*, representación do día que se festexa.

Nas *Memorias dun neno labrego*, de Neira Vilas, Balbino describe o antroido da súa aldea dicindo que *Dempois vin chegar varias cousas: unha vaca e máis un burro axugados, turrando por un carro no que ían dous augardenteiros coa súa alquitara* (XNV:45). Finalmente, García Barros describe minuciosamente as distintas máscaras do Entroido que se celebraba na aldea na que sitúa a vida de *Alberte Quiñoi*. Entre elas cita *os chaláns, que lle miraban a boca ás mulleres* (GB2:19).

13.3.9. Versión galega do conto da leiteira

Podemos dicir que hai dúas versións galegas do conto da leiteira. Unha, como relato popular anotouna Ventín Durán en Moscoso (Pazos de Borbén) e ímola ver de seguido. A outra elaborouna o poeta da Serra de Outes Francisco Añón no poema *A leiteira*, que reproduciremos no capítulo 16.1.

O coello [585]

Un probe, de caxado na man, tripaba por un monte adiante, camiño de outra parróquea, onde ia a pedir esmola e viu acamado antre unha moleira de toxos un coello gordo e locido; marcouno ben, e con o caxado erguido púxose a botar as contas:

– Mato este coello e vou vendelo á vila por unha boa pesetiña, con ela merco sardiñas pra vender e como o que vende sardiñas come galiñas, hei de ter nelas boa ganancia que tornarei a empregar e cando teña ganado bastante merco un xatiño: heino de ir criando e despois de criado véndoo e merco dous pequenos que hei de criar e cando foren grandes poños ó carro, e cando vaia por unha costa arriba con que garbo lle hei de berrar:

– ¡Ei boi, ei!

Con o berro o coello asombrouse e de un pulo desapareceu polo medio do mato, méntre-lo probe con o caxado no airo, caia da burra abaixo.

13.3.10. O boi e vaca, símbolos da Galicia oprimida e redimida

Xa vimos que en diferentes ocasións e lugares os bois galegos recibiron a consideración despectiva de mansos (*boi de Laíño*) e que ese carácter manso e dócil foi considerado símbolo do carácter dos galegos. Véxase a epígrafe 11.7.5.

A paciencia e a sumisión da vaca tamén se converteron en símbolo das penalidades que o proletario rural galego sufriu ante a incomprensión ou a complicidade dos políticos que deberían defendelo. Hai un texto pouco coñecido de Valle Inclán en galego pero, que, coma as cousas nesta lingua, están sempre cargadas de paixón social. Excepcionalmente, por ser esta unha monografía etnolingüística, imos ver algúns textos de autor que culminan no texto maxistral de Castelao que leva camiño de converterse nun texto público e popular e que, polo súa calidade, abre este libro.

---

[582] Pódese ver unha fotografía desta máscara en http://www.fotosdegalicia.es/galicia/v/pontevedra/deza/Vello+dos+Cornos+de+ Merza.JPG.html [21.01.2010].

[583] XTC1:214.

[584] NT:130 ss.

[585] VD:348.

Casos e cousas [586]

O xeneral López Domínguez [587] turra polo [588] carro do Goberno escontra a esquerda.

Romero Robredo turra por atrás.
Sagasta turra pra a dereita [589].
Castelar dálle enxabrón ás rodas [590].
Ruíz Zorrilla turra pra diante. [591]
Martos sentouse na punta da cabezalla[592].
Martínez Campos ten a aguillada na mau [593].
Cánovas estrapexa pra que non ande o carro.
¡Probes dos bois! [594]
Xa se sabe os que fan de bois en España.
Os que levan tódalas cargas. [595]

Parrafeo [596]

- Non falemos desa [597] andrómena e volvamos ó conto [598]. Sabes o que pasa por Madrid [599]?
- Xa che dixen que non sei nin pizca.
- Pois según [600] me contou nantronte o porteiro do [601] Concello, polo [602] que viu nos [603] papeles, apareceulle unha nova teta á vaca [604] do Goberno.
- ¿A qué vaca?
- Á do Ministerio que dinantes tiña nove tetos i agora [605] terá dez.
- Que inda [606] toupe si te entendo [607]. ¿Qué vaca e que xuncras de tetos ten o Goberno?
- Direiche: a nación [608] vén a ser [609] como unha [610] vaca que polo de agora [611] non daba leite máis [612] que pra nove Ministerios, pro veu o de Lourizán [613] i á forza [614] de esculcas [615] alcontroulle a modiño [616] outro conduto, facendo dous dun [617] Ministerio, de xeito que de hoxe [618] endiante teremos dez en troques dos nove ministros.
- ¡Xa caio! [619]

---

586 An9:7. Resume as liortas entre os diferentes ministros baixo a presidencia de Sagasta durante a rexencia de María Cristina.
587 No texto: *Lopez Dominguez*.
588 No texto: *pol-o.*
589 No texto: *pr'a dereita.*
590 No texto: *dalle, âs rodas.*
591 No texto: *Ruiz.*
592 No texto: *n-a, d'a.*
593 No texto: *Martinez, n-a.*
594 No texto: *d'os.*
595 No texto: *todal-as.*
596 An10:5.
597 No texto: *d'esa.*
598 No texto: *ô conto*.
599 No texto: *Madril* (sic)
600 No texto: *segun.*
601 No texto: *d'o.* Tamén no resto do texto: *d'o Goberno*, *d'o Ministerio*, *d'os nove ministros*, *do's aduanantes*, *d'a política*.
602 No texto: *pol-o.*
603 No texto: *n-os.*
604 No texto: *â vaca.*
605 No texto: *y agora.*
606 No texto: *Qu'inda.*
607 No texto: *t'entendo.*
608 No texto: *nacion.*
609 No texto: *ven á ser.*
610 No texto: *com'unha.*
611 No texto: *pol-o d'agora.*
612 No texto: *mais.* Tamén no resto do texto: *mais que Xan*.
613 No texto: *Lourizan.* Refírese a Eugenio Montero Ríos, importante político da España do momento e ministro de Fomento, que tiña un pazo principesco en Lourizán.
614 No texto: *y-â forza.*
615 No texto: *d'esculcas.*
616 No texto: *á modiño.*
617 No texto: *d'un.*
618 No texto: *d'hoxe.*
619 No texto: *cayo.*

- Pois agárrate que pra cair abondarache cos [620] trabucos que nos van a botar ó lombo [621].
- De irmos [622] por esta carrileira, hastra que haxa un Ministerio pra cada un dos aduanantes da política, non paramos.
- ¿E quen mungue a vaca?
- Hoxe por hoxe múnguecha Sagasta.
- ¿E quen dá o leite?
- ¿E quen o [623] ha dar máis que Xan Paisano?
- Pois eu teño deprendido que Xan Paisano está seco como as [624] pallas.
- Espremerano máis [625].
- ¿E si non enche a canada?
- De non dar leite, tiraranlle o pelexo.
- ¿E dempois?
- Dempois... dempois eu non che sei.
- ¿Canto apostas a que [626] nos van sacar o redaño?
- Nesa [627] angueira andan xa fai tempo.

Casos e cousas [628]

O gobernador de Ourense,
don Xan de Martí e Tarrats,
tal cariño nos colleu
que non nos pode deixar
pois anque o meteron fóra
do Goberno non se vai.
¿Nin que naceras en Babia!
¿Porque o dis?
Pois craro está:
¿qué cariño nos ha ter
si nos trata pouco fai?
Si lle ten algún cariño
éche ós miles de reás
que cobra desque o lembraron
os da esquerda liberal.

Agora caio na conta
tes razón... xa, xa, xa,
namentras dea leite a vaca
hai que munguila e turrar
e como é vaca a política,
por eso munguíndoa está,
ata que traia a canada
o señor de Bugallal.
Estás no certo, Farruco.
Xa llo creo; pois ben fai,
que eu si me vira no caso
punto menos, punto máis,
turraría ata facer
a canada rebordar.

E agora o fragmento do poema de Valle Inclán no que se menta o tantas veces dito de que o gandeiro vende non o que lle sobra senón aquilo do que se priva:

Cantigas de vellas [629]

...
O leite da vaca mercan os veciños:
un rapás moi novo que se doi do peito,
a ama de crego para seus touciños
e a moza pra un vello que lle escofa o leito;
pra vender o leite da vaca marela,
elas toman soio augas de malvela.
...


---

[620] No texto: *c'os*.
[621] No texto: *á botar ô lombo*.
[622] No texto: *D'irmos*.
[623] No texto: *quen-o*.
[624] No texto: *com'as*.
[625] No texto: *Estremeráno mais*.
[626] No texto: *á que*.
[627] No texto: *N esa* (sic).
[628] An6:4. No texto: *d'Ourense, n-os colleu, fora, d'o Goberno, vay, dís, eche, òs miles, d'a esquerda, cayo n-a conta, tês, hay, hastra que traya, n-o certo, qu'eu, n-o caso, mais, hastra*. No orixinal escribe *meteron* en cursiva.
[629] RMVI:219-220.

O leite callado [630]

...

Castelao debuxou hai sesenta anos a unha meniña que daba herba a unha vaca famélica, a vaca era muxida por un señor con chisteira que representaba a un poder alleo que levaba o leite, o proveito. Ben, a cousa segue parecida. Mais a culpa non é dun señor moi malo que vén de fóra a levar a riqueza, somos nós quen non sabemos muxir a vaca e vender o leite, só sabemos darlle herba á vaca. Só temos labregos, non fomos quen a merecer conselleiros nin empresarios capaces. A culpa é nosa, os demais fan o que poden; fan ben.



Probe teixa esgurrumiada... (*El barbero municipal*, Rianxo 1910).

El barbero municipal (Rianxo, 3.12.1910) publicou un debuxo que levaba por pé *Probe teixa esgurrumiada* [631]:

Probe teixa esgurrumiada
tre-lo mesmo que un fieito [632]
dinantes ser escoada
ó que che ten apreixada [633]
fincalle un corno ó direito [634]
I a quen pra allea mantenza [635]
che vai zugando a salú [636]
-deixando os teus na indixenza- [637]
sen escuplo nin doenza [638]
céiballe un couce no cu. [639]

Dous relatos populares, transmitidos un por Amador Montenegro Saavedra en 1888 (AMoSa2) e outro por Urbano Santana en 1931 expresan ben, aínda que de forma hiperbólica, o enorme aprecio que se lle ten ó gando vacún. Velos aquí.

Nunha ocasión había un labrego que tiña dous fillos, Farruco e Xan, ambos bos mozos e garridos, Farruco, que era o máis vello, caeu quinto, e como non tiña esceución que poñer,

---

[630] ST-PB.

[631] Reproduciuno Xosé Filgueira Valverde como ilustración do seu artigo "De barbas e barbeiros" (*Faro de Vigo* 18.03.1990). Este debuxo e texto cadran co que sería un tema recorrente en Castelao: a vaca que moxen en proveito propio os que non a alimentan, como símbolo de Galicia. Anotamos, con todo, que o debuxo non leva a sinatura de Castelao senón a seguinte: *Ferrer, Coruña.*

[632] No texto: *trel'o, qu'un*. A reprodución que consultamos non nos permite ver claramente se di *trel'o* ou ben *tref'o*. No primeiro caso podería se-la síncopa de *ti ére-lo*; no segundo, de *trefe o* e a palabra *trefe* para Cuveiro aínda significaba "Lo que es ligero, delgado y flojo, ó como la goma, que se ensancha, dobla y encoje", co que significaría "vaca delgada e frouxa igual que un fieito".

[633] No texto: *tén*.

[634] No texto: *fincall'un corn'o direito.*

[635] No texto: *Y á quen*.

[636] No texto: *vay, zugand'a*.

[637] No texto: *deixand'os*.

[638] No texto: *escúplo*.

[639] No texto: *céiball'un, cú.*

tuvo que andar pra diante, non sin sentemento dos seus pais que como pais, non podían menos de querelo.

Unha noite, cando xa iba por riba dun ano que Farruco estaba no *sirvicio do Rei*, díxolle un quinto da súa parroquia.

- ¿E non sabes, Farruco?

- ¿E que?

- Morreuche teu pai.

- ¡Válgalle o deño, ho!

Pasou algún tempo, e díxolle outra vez o mesmo soldado:

- ¿E non sabes, Farruco?

- ¿E que?

- Que che morreu túa mai.

- ¡Válgalle Xudas, ho!

Volveron pasar uns días io quinto volveu a dicirlle a Farruco.

- ¿E non sabes, ho?

- ¿E que?

- Que che morreo o boi marelo.

- ¡Home! - dixo astoncias Farruco, poñéndose triste - *¡Dios che lle perdone, que che era moi bo animaliño! Cando che me vin, veu tamén atrás min astra o río, e como non podría pasar, fíxoche:*

-¡Muuuuu...!

¿E sabes que che me quiría dicir? Pois:

-¡Adiós, Farruuuuuco!

Moi semellante é o relato que recolle Urbano Santana [640], que pon o mesmo sentimento non nun soldado senón nun emigrante galego nas Américas:

> Despedinme de meu pai e non chorei; despedinme de miña nai e non chorei; despedinme de miña hirmá e non chorei; despedinme de meu hirmán e non chorei; despedinme de miña novia e non chorei; e despedinme de meus parentes e tampouco chorei; pero cando salía para marchar, foi a vaca marela e meteu a cabeza por unha regandixa do cancelón, e dixo "maaa"... ¡y'entonces sí que chorei!

Estes dous relatos condénsanse, conforme á técnica popular da implicitación, en frase proverbial tal como recolle Vázquez Saco en Buciños: *¡Animalciño, ind'o día que me fun botou o fuciño por baixo da porta e díxome mu!*, e engade o seguinte comentario: "Sentimiento desbordante por la muerte del animal".

É agora cando convidámo-lo lector á rele-lo texto de Castelao que abre este libro.


13.3.11. O touro de Osborne e a vaca na bandeira galega

O *toro de Osborne* foi creado en marzo de 1954 polo artista gaditano Manuel Prieto Benítez e utilizado como publicidade do coñac *Veterano*, de Osborne, desde novembro do seguinte ano, primeiro coa lenda da marca do coñac e logo sen ela, deixando simplemente a silueta do animal. En 1994, a empresa foi condenada a multa e demolición dun destes anuncios situado na beira da autoestrada do Cantábrico, por "publicidade visible desde a estrada", pero o seu recurso foi admitido polo Tribunal Supremo en 1997, que considerou que o *toro* deixara de ser un emblema dunha empresa comercial, é dicir, un anuncio, para converterse nun elemento decorativo, xa integrado na paisaxe. Foi recoñecido en 1996 como monumento polos seus valores culturais, etnográficos (símbolo identificativo do andaluz), artísticos (dentro do movemento artístico que recolle as esculturas e outros elementos presentes nas vías de comunicación) e inscrito no Catálogo Xeral do Patrimonio Histórico de Andalucía.

Na actualidade considérase o deseño publicitario máis representativo do español, un símbolo inequívoco de España identificado en todo o mundo. Ata tal punto que a prensa daba a noticia en outubro de 2002 de que un grupo independentista catalán derrubara o último *toro de Osborne* que quedaba en pé

[640] Sandiás:113.

en Cataluña, tras calificalo de "símbolo estrella del anticatalanismo más rancio" [641]. Debérono reconstruir, porque a prensa o día 25.02.2009 volvía da-la noticia dun novo derrubamento.



Vaca na bandeira galega.

En Galicia produciuse recentemente unha reacción semellante pero non iconoclasta. No ano 2002 o Real Madrid celebraba os seus cen anos de historia e en homenaxe a Federación decidiu que a final da Copa do Rei se celebrase no seu estadio do Bernabeu, en Madrid. O equipo madrileño chegou á final e tamén o Deportivo da Coruña. O inesperado aconteceu: o equipo coruñés gañou o 6 de marzo aquela copa na casa do Real Madrid e a prensa calificou aquela vitoria do Deportivo como *o centenariazo* (o golpe dado por un pequeno a un grande na casa do grande). Moitos seareiros madridistas levaban bandeiras de España coa figura do touro negro de Osborne. Ben, pois os galegos apareceron portando bandeiras galegas nas que ía unha vaca, tamén negra. O autor do deseño foi Antón Lezcano.

Dende aquela a vaca na bandeira galega volveuse símbolo do carácter galego e ten presenza crecente nos máis variados soportes e situacións.

13.3.12. ¿Pobreza mítica da vaca galega?

Fronte á fantasía desbordante, case cunqueirana, da mitoloxía grega, o imaxinario galego no que interveñen o boi ou a vaca parece pobre. Quizais sexa máis exacto dicir que é unha presenza menos fantástica e máis realista.

Pero hai mito e rito arredor dos bovinos na cultura galega. En primeiro lugar, bois e vacas decidiron, coma no mundo antigo, o emprazamento de núcleos urbanos ou de santuarios de peregrinación (Compostela, Vilafranca, A Franqueira, Punxín...). Segundo, bois e vacas personifican tesouros castrexos. Terceiro, na ría de Pontevedra, aínda se recollía en tempos recentes a crenza de que os bois veñen polo mar (coma o boi de Creta) pero aquí coa función de levaren á illa de Ons as almas dos que acaban de morrer. Cuarto, nos entroidos de Laza e outros lugares a vaca simboliza a licenza sexual. Quinto, no inicio do século XX a vaca convértese no símbolo da explotación económica do proletariado rural e mariñeiro galego, idea que se

[641] Posteriormente Cataluña, desde Banyoles, opuxo como animal simbólico o *ruc catalá* (burro catalán), un animal en perigo de extinción; pero hai que dicir que con anterioridade xa houbera un intento fallido de opoñerlle ó touro un *cat* (gato). E os vascos e navarros, a fin de 2004, acabaron pensando tamén nalgo similar: primeiro pensaron na *pottoka* (cabalo) pero finalmente optaron pola *ardi latxa* (ovella latxa).

redondea no texto célebre de Castelao. Sexto, máis recentemente a vaca convértese na antítese do touro de Osborne e, polo tanto, en símbolo lúdico dunha Galicia diferente, autónoma e non taurófila.

Non parece pouca carga simbólica. E a isto haille que sumar algo máis de 120 contos populares nos que intervén a vaca ou os seus produtos (carne, leite, queixo etc.) ou o seu periplo vital (a feira, o matadoiro etc.). Pódese dicir que non son moitos, porque hai máis contos populares doutros animais coma o can, a galiña e o galo, o lobo ou o raposo; e porque tampouco é habitual que nun conto unha vaca fale, como falan os lobos, os raposos ou os corvos. Nestes relatos populares a vaca e o boi non son actores e, menos aínda, protagonistas; aparecen case como un elemento da paisaxe: acontece algo nalgún lugar e alí había unha vaca, como había un carballo ou unha fonte.

Ora ben, os encontros co sobrenatural e o marabilloso, coma tal a aparición de encantos, santos, a Virxe etc., acontecen nas longas horas de soedade no monte, cando alguén (moitas veces un neno ou unha nena) está alindando o gando. Velaí a vaca como un elemento máis da paisaxe literaria, aínda que non como axente literaria.

É certo que, vista a importancia económica da vaca na economía campesiña, todo isto non parece moito. Pero, se cadra, foi precisamente esta importancia económica a que escureceu as características simbolizables da vaca. A cultura galega observa máis a vaca có boi (*a señora vaca*, como lle chama Álvarez Limeses) e o gando bovino é o símbolo principal da agricultura. E tamén debeu de axuda-lo carácter manso e dócil da vaca, que chama menos a atención cá renartería do raposo e a ferocidade do lobo e que, en consecuencia, ten menos interese literario.

Pero, vista a integridade deste capítulo 13, dificilmente poderá negarse que, se Galicia ten un animal totémico, ese é a vaca.

Capítulo 14. HUMOR GANDEIRO

Capítulo 14. HUMOR GANDEIRO

Hai palabras, locucións, refráns, cantigas ou contos do mundo da vaca que teñen unha miga de intención humorística. Cando unha moza en plena primavera lle amostra un vestido novo e algo curto á súa avoa, pode dar que esta lle faga o seguinte comentario: *O vestido bonito é, pero é para cando moscan as vacas* (vímolo na entrada 3487 na epígrafe 3.2.8.). Véxase tamén a segunda acepción de *boi de posto* (13926 en 13.1.5.); véxase en 7.3.2. o relato *O señor cura e a nena da vaca* ou en 9.11.4. o relato *No xusgado de paz.*

Dada a nosa intención organizadora do material, moitas desas cousas xa as fomos vendo nos diferentes capítulos deste libro. Por todo iso este capítulo vai ser moi breve; pero aínda así algo queda que podemos ver agora ou lembrar.



¡Lástema de bois! (Castelao n'*A Nosa Terra,* 20 de xullo de 1917).

En calquera caso e falando de humor, debemos lembrar que o humor tradicional galego non é o da gargallada senón o do sorriso. O gandeiro galego, pegado á terra coma o seu gando, é home de afecto expansivo e sabe sorrir. Con algunha frecuencia as súas palabras buscan o sorriso cómplice do interlocutor intelixente. Desde Castelao ata hoxe, os humoristas gráficos galegos souberon captar este matiz e podémolo ver con frecuencia na prensa diaria.

Falando do humor con que os gandeiros viven a súa experiencia profesional, moitas vecs lastrada de fracasos, presta le-los versos que Crecente Vega publicou *Sen título* e que falan do Tío Nelos de Cañás (16.1.).

Vexamos, logo, o material etnolingüístico que condensa a mirada humorística do noso gandeiro.

14.1. Humor gandeiro

14510 **bodegueiro** *s.m.* Labrego que non ten gando vacún. (Burón, Cab., Ced., Vala.).

14511 **cascabel** *s.m. Ú. m. en pl.* Cada unha das bólas de bosta pegadas ó pelo da vaca. (Suevos).

14511b **aguavicheleite** *s.comp.f.* Leite intencionadamente rebaixado con auga para a venda. É denominación humorística e hiperbólica creada aglutinando unha frase dirixida á auga (non ó leite) que resalta que escasamente viu (xa non ve) leite: é dicir, que hai máis auga ca leite. (Barro, CLam3, Grixó).

14512 ***enfermedá das vacas do cura** *s.comp.f.* Febre vitularia. Disque é porque só eles tiñan vacas de alta produción de leite. (Cato.).

14513 **gando da perna rachada** *loc. s.* Xente preguiceira. A nosa fonte engade: "frase festiva moi significativa". (Fra.).

14514 **bosteiro 5** *adx. fig.* [Home] malfalado, ineducado, que usa palabras malsoantes. (Cang.).

14515 **buticario** *adx. desp.* [Becerro] ruín. (Pantón).

14516 **elétrica** *adx.* [Vaca] que non se deixa muxir. (Saln.).

14517 **escribana** *adx.* [Vaca] que ten un corno máis alto có outro. (Arc1, Noalla3).

14518 **hospital** *adx.* [Vaca] fraca, caquéctica, que se lle ve o día ó través. (Valga).

14519 **notaria** *adx.* [Vaca] que ten os cornos cara abaixo. (Saiar, Sisán).

14520 **de dieta** *loc. adx.* [Vaca] parida de pouco. Chámanlle así porque durante o puerperio danlle a come-la encaldada. (Cabal.).

14521 **traballar** *v.* Cubrir [o touro á vaca]. Unificamos no infinitivo as diferentes formas que dan as distintas fontes: *travallar* (Piñei2), *travallala* (Vrei,), *travallar a vaca* (Crendes), *traballar o toro a vaca* (Car2). (Car2, Ced., Crendes, Cur1, Leir-A, Piñei2, Vrei., XER).

14522 **anda-los cartos ó boi** *loc. v.* Non haber cartos. Cando a vaca anda ó boi non serve para nada (nin dá leite nin se pode pór ó carro). (Grixó).

14523 **dar unha misa** *loc. v.* Dar unha parte da ganancia [a quen axuda a mercar ou vender unha res]. As *estacas* por veces comen duns e doutros. (Pont.).

14524 **empreñar [unha vaca] o veterinario** *loc. v. humor. pop.* Inseminar artificialmente o veterinario [unha vaca]. *Empreñouna o veterinario*. (Común).

14525 **enxendrar do veterinario** *loc. v.* Empreñar [unha vaca] como consecuencia da inseminación artificial. *A Teixa enxendrou do veterinario pero a Cuca houbo que levala ó boi*. (Gond.).

14526 **estar como unha vaca** *loc. v.* Estar moi gordo. O adxectivo está elíptico, pola evidencia de que entre nós a vaca é o animal máis voluminoso. (Salc1).

14527 **gustarlle o mozo [á vaca]** *loc. v. humor.* Empreñar [unha vaca] por inseminación artificial. O *mozo* é, naturalmente, o veterinario. (Gond.).

14528 **ir gañar para a pucha e manda-los cornos** *loc. v.* Ser [un marido] infiel [á muller] na emigración. (Ctel2).

14529 **mirar ó veterinario** *loc. v.* Te-la cabeza revirada cara atrás [unha vaca], síntoma da febre vitularia. (Baña, Negr.).

14530 **non te-lo virgo** *loc. v.* Ter ido xa ó touro [unha vaca]. (Ctel1).

14531 **parecer un cadaleito** *loc. v.* Ser grande e fraco [un animal]. (Piquín).

14532 **preñar do veterinario** *loc. v. humor.* Ver EMPREÑAR [UNHA VACA] O VETERINARIO /14524. *E a tua de quen quedou preñada, do boi ou do veterinario?*. (MRP).

14533 **ser certo** *loc. v.* Ser fiable [o boi] para empreñar unha vaca. Considérase máis eficaz a cubrición natural cá inseminación artificial. *Antes o boi era máis certo*. Continúa o noso informante dicindo que *a vaca en sazón era moi raro que fallase. Agora hai moitos fallos na enseminación*. (Noalla3).

14534 **ser rabo de vaca 1** *loc. v.* Desdicirse, cambiar de opinión. (Oleiros).

14535 **ser un colgador** *loc. v.* Ser [unha vaca] tan ruín que só vale para colgármo-la roupa nos cornos dela. (Cato.).

14536 **ter cu de home casado** *loc. v.* Ser [unha vaca] estreita do terzo posterior. (Valga).

14537 **¡anaquiño de contra o rabo!** *fórm.* Piropo que

un home lle bota a unha muller. Este piropo botoullo un marido de sesenta anos á súa muller, do mesmo tempo, utilizando o redondo como referencia de carne óptima. VER REDONDO/5422. (Mora8).

14538 **¡ánimo, que o corno está a cocer!** *fórm. irón.* Fórmula de ánimo. (Mos).

14539 **¡inda na testa che naza o que ten a miña vaca!** *fórm.* Fórmula de maldición. (VLLM(1/925)).

14540 **¡non hai coma o natural!** *fórm. desp.* Fórmula que alude despectivamente á inseminación artificial. (Común).

14541 **¡o veterinario xa vai vello!** *fórm. humor. pop.* Fórmula que se utiliza cando fracasa a inseminación artificial. (Mora4).

14542 **¡vaca preña!** *fórm.* Fórmula para responder a quen nos esconxura despois de espirrar. *-Achís! -¡Sanantonio! -¡Vaca preña!*. Os informantes non saben explicar por que se di e podería ser uso humorístico e dialogado dalgunha xa esquecida invocación ó santo protector do gando. (Ctel18).

A carne, carne cría. (UCA2:41; ZM:16; XTC4)
A carne, carne cría; e a sardiña, auga fría. (CGP:29)
A carne, carne cría; e o peixe, auga fría. (CGP:29)
A carne, carne cría, e o pescado, auga fría. (Carte.) [1]
A carne, carne cría; e o pescado é auga fría. (Morei:369)
A carne, carne cría; e os peixes, auga fría. (ERG:carne) [2]
A carne cría carne, e o peixe auga fría. (ZM:16; CGP:29)
A carne pide carne; e o peixe, aceite e vinagre. (ERG:carne; CGP:29) [3]
A carne pon carne e o viño pon sangue. (ERG:carne; ZM:16; VIÑO:23) [4]
A carne pon carne, o pan pon panza e o viño guía a danza. (ERG:carne; VIÑO:23) [5]
A carne vaise á carne. (ERG:carne)
A sardiña, auga fría, e a carne, carne cría. (CGP:29)
A falta de carne, bo é o pan. (ERG:carne)
A falta de carne, bos son polos e touciño. (ERG:carne)
A falta de vaca, bos son os polos con touciño. (XAB1:34)
A falta de vaca, bos son polos con touciño. (ERG:vaca; Camb1:47; Castre.)
Á muller e ó carniceiro médralle a carne na man. (ERG:carne; XSL:16; XMSH:96) [6]
Á muller e ó carniceiro, médralle a chicha na man. (BL: 14).
A vaca, canto máis se munxe, máis grande ten o teto. (ERG:vaca)
A vaca, canto máis se muxe, máis grandes ten os tetos. (MC:87)
Canto máis se munxe a vaca, máis os tetos se lle agrandan. (ERG:vaca)
Canto máis se munxe a vaca, máis remollo saca. (VLLM:1,138) [7]
Canto máis se munxe a vaca, máis se lle aguza a teta. (VLLM:1,138) [8]
Canto máis se munxe a vaca, o teto máis se lle agranda. (VLLM:1,138) [9]
Inda máis se muxe a vaca, máis teto saca. (VLLM:1,142)
¡Arriba, putas, que aí veñen as San Lucas! (DXC:48) [10]
Axudémonos do boi, que é alleo. (VS)
Cos bois doutro calquera ara. (VS) [11]
Ben cheira o diñeiro, inda que veña dun esterqueiro.(XAM2:26)
Bendita sexa a tallada que trae outra remangada (MVN2:69; ZM:44) / *arremangada* (UCA2:26) [12]

---

1 *A carne alimenta, o peixe non*.

2 A E. Espasa (s.v. *carne*) comenta: *Da á entender que la carne es un alimento más substancioso que el pescado*. Existe tamén o seguinte paralelo *Máis vale auga de carne que carne de auga* (CGP:30).

3 No texto: *i o peixe* (ERG).

4 No texto: *pòn, i* (ERG); *pón* (ZM); *i o viño* (VIÑO).

5 No texto: *pòn* (ERG); *pon a panza, i o viño* (VIÑO).

6 Véxase o epigrama de Benito Losada *A pola* en 6.2.1.

7 Llópiz: *múnxese*, *mais*; explica que *remollo* é na fala dos Vaqueiros de Alzada a riqueza ou corpo do leite.

8 Llópiz: *mais*; recólleo de V. Muñiz, prof. vet.

9 Llópiz: *mais se ll'agranda*; di que é var. doutra de Bluteau.

10 DXC: *ahí*. Ver 12.3.10: *Outubro*.

11 No texto: *d'outro.*

12 No texto: *sea* (MVN2); *trai* (ZM).

¡Benia a tallada que trae outra engarrada! (ERG:tallada) [13]
Boi fermoso non é pró traballo. (ERG:boi) [14]
Carne sin óso non é pra probes. (ERG:carne; XMSH:135) [15]
Caroi, nin boa vaca ni bo boi; pero matadores, dos mellores. (RCI:178) [16]
En Caroi, nin boa vaca nin bo boi, pero montador, do mellor. (Lama) [17]
Crouco pelado, ¿quen te pelou que nin pelo che deixou i a cachola en queixo che trocou? (ERG:crouco)
Dá Dios moas ó que non ten talladas. (ERG:Dios) [18]
Dá Dios pan a quen non ten dentes e a quen dentes ten dálle leite. (Carb-L:68)
Dá Dios talladas ó que non ten dentamia. (ERG:Dios) [19]
Dios dálle o pan a quen non ten dentes; e ó que os ten dálle leite (Curro) [20]
Dice o boi pequeno: "Carga, carga, que eu non o hei levar". (VS)
Entre bois non hai cornada. (Pont4) [21]
Ganadeiro que seu oficio entenda, home ha de ser de gran trastenda. (VS) [22]
Haxa cornos e non se vexan. (XTC4) [23]
Máis tiran dúas tetas que dúas carretas (UCA2:44; XMSM:61; ZM:131) [24]
Ten máis forza un pelo de cona que unha xunta de bois. (Goián3)
Tira máis pelo de cu que xunta de bois. (XSL:28) [25]
Tira máis un pelo da cona ca unha parella de bois. (Curro)
Tira máis unha teta que cen bois por unha carreta. (VS)
Tiran máis dúas tetas ca unha parella de bois. (Curro)
Morte de un, esterco de outro. (XTC3; XTC4; PA; VS) [26]
Morte de uns, esterco de outros. (Lim5; XLF2:42) [27]
Mozas loucas e por casar, mal gando é de gardar. (XMSM:48)
Mozas tolas e por casar, é mal gando de gardar. (XSL:23; MRL)
Nin bois á noite nin muller á lus da candeia. (VLLM:1,145) [28]
No xusgado antes che perguntan si tes vacas que como te chamas. (XFR2:47)
Non hai mal que por mal non veña, morreume a sogra e pareume a vermella. (EGE:85) [29]

---

13 ERG: *Benia á*.

14 Gonzalo Correas explica este refrán dicindo que *también llaman buey hermoso al hombre de buena presencia, pero flojo, sin obras*.

15 No texto: *òso* (ERG); *oso* (XMSH). A E. Espasa (s.v. *carne*) comenta *Denota que los ricos y poderosos siempre son preferidos*. E engade que *carne sin hueso* vén ser *Conveniencia o empleo de mucha utilidad o de poco o ningún trabajo.*

16 Caroi é un sitio de moito monte, ruín para o gado; e de xente con sona de ser un pouco atravesada e amiga de liortas.

17 O noso informante di que se refire a un home moceiro que houbo en Caroi de Cotobade, que quedou como home proverbial. Tamén: *De Lugo, nin boa besta nin bo burro, pero montadores, dos mellores* (UCA2:33; ZM:76).

18 ERG: *tèn*.

19 ERG: *tèn*.

20 No texto: *dalle, dalles*.

21 Refrán de clara vocación política, que tamén a vemos neste paralelo recollida na Gudiña: *Entre lobos da mesma camada, por muto que se mordan nunca se fan nada* (Gud5:99) ou *Lobos dunha mesma camada non se traban* (ZM:127). Pintos dá estoutro paralelo: *Un-ha palla non crava outra* (JMP).

22 Coma noutras paremias que Vázquez Saco recolle de Jacinto del Prado, esta ten trazas de ser unha máxima de autor.

23 Taboada Chivite lembra que a mesma idea está no *Otelo* de Shakespeare. Remitimos ó lector ó conto *Os cornos* (Cuba e Reigosa) que recollemos no capítulo 13. *Todo é coma unha vaca*.

24 No texto: *mais, duas* (UCA2).

25 XSL: *cú*.

26 Alude especialmente ó capital que deixa o morto. No texto: *d-un, d-outro* (XTC3); *d'un, d'outro* (PA). Pereda recólleo en Verín. Saco di *dun, doutro* e dá esta equivalencia castelá: *La muerte es la fuente de la vida: unos mueren para que otros vivan* (R. Marín).

27 No texto: *de ús, de outros* (XLF2).

28 Llópiz di que o toma do *Rifoneiro minhoto* con lixeira corrección ortográfica. Ctel1 explícanos que o boi á noite parece máis voluminoso, *faise máis que é, luce máis do que é, faise moito máis representante* e a muller debidamente iluminada (*á lus da candeia*) tamén parece máis bonita. Tal lles pasa ós mozos que van buscar moza á discoteca. E nesas circunstancias non cómpre mercar nin casar porque pode un levar un bo calote, xa que facilmente nos darían gato por lebre.
Insisten neste mesmo consello outras cantigas, coma esta: *Non busques muller na feira /e menos na romaría; /busca as rapazas na casa/ vestidas de cada día* (LimiaB:109). Igual en Asturias: *El que quiera buena moza/ no la busque en romería;/ vaya a su casa a buscarla/ en ropa de cada día* (LimiaB:247).

29 É posible que o *mal por mal* sexa unha errata do colector en vez do consabido *mal por ben.* Esta forma canónica representa unha crúa mostra de humor negro co que se pretende compensa-las perdas. O mesmo que nesta cantiga que recolle Alonso Montero na que se describe a situación inversa: *A miña sogra sanóu /i en troques morréume a vaca: /tras dun probe xempre a morte /anda ca fouce amolada* (XAM:44).

O crego de Albarellos ten máis touras cós seus novelos. (XSL:67; GILB:124) [30]
O abono é coma os santos: non dá festas pero fai milagros. (XTC4) [31]
O esterco non é santo pero fai milagros. (Antas4) [32]
O que deixa a Coresma e as san Lucas, dígao a incrusa. (XMSH:51)
O que deixan a Coresma e as feiras de san Lucas, dígao a Incrusa. (VLLM:2,24; NevesC; VS) [33]
Ó que quere saber, dáselle un corno a lamber. (Vigo2) [34]
Onde non hai bois, limpa estará a corte. (VLLM:1,148) [35]
Pan de voda é carne que consola, a quen a coma. (ERG:pan) [36]
Paso de boi, dente de lobo e, de vez en cando, facer o bobo. (VS; XMSH:74) [37]
Paso de boi, dente de lobo e de vez en cando faise o tolo. (LCA3; APG:256) [38]
Pisada de boi, dente de lobo e facer moito, moito o bobo. (XTC4) [39]
Pra tourear e pra casarse, hai que arrimarse. (DXC:43; ZM:197)
¡Que non morran as vacas, que os homes hainos a manadas! (XMSH:81; ERG:morrer; XMSM:63) [40]
Que non morran as vacas, que homes hainos a patadas. (VS)
Quen atope tallada de carne, que coma e que cale. (ERG:tallada)
¿Queres leite? - Dille á vaca que cho deite. (VLLM:1,152; ZM:216; VS) [41]
Se queres que non che coma o queixo o rato, compra un gato. (VS)
Tanto fixo meu pai coa aguillada dos bois que pariu miña nai nove meses despois. (XMSH:20; XMSM:69; XSL:46; DXC:49; ZM:233) [42]
Vello que con nova casar, cornos non lle han de faltar. (Gud5:115)

A carne carne cría
e o pan cría panza,
o viño cría sangue
e o demais todo é chanza. [43]

A miña sogra sanou
i en troques morreume a vaca;
tras dun pobre sempre a morte
anda ca fouce amolada. [44]

A muller ía no prado;
a vaca facía o xantar;
a cadela varre a casa
e a vasoira vai lavar. [45]

¡Ai! A miña sogra sanou,
en troques morreume a vaca.
Tras do pobre hastra a morte
sega a boa e deixa a mala. [46]

---

30 XSL e GILB: *que os*. *Albarellos* hai varios en Galicia e cremos que aquí simplemente está por razón da súa consonancia con *novelos*.

31 XTC4: *da*.

32 Porque a leira ben estercada dará unha boa colleita.

33 Alude ás feiras de Mondoñedo. No texto: *y-as*, *dig'o* (VLLM, VS); *inclusa* (NevesC). Llópiz di que o recolle de Leiras Pulpeiro.

34 Díselle a unha persoa moi curiosa.

35 Llópiz: *ai* (sic); recólleo en Vide (Celanova).

36 ERG: *boda*.

37 Saco comenta que *se pone en boca de procuradores y demás adláteres de la Curia*. Tamén Moreiras o aconsella entre procuradores.

38 Leandro Carré explica que o que se aconsella en *paso de boi* é calma; en *dente de lobo*, ter decisión rápida para aproveitar unha oportunidade, e que en *faise o tolo* recoméndase astucia e sagacidade. Consello que soborda na súa utilidade o reducido mundo da feira e ten aplicación a moitos campos da vida empresarial e política. Tamén para os *avogados das silveiras*: *O bo preiteante, dixo Tomé: boca pechada, bulsa aberta e listo de pé* (XMSH:74: *faltriqueira*) (UCA2:49: *bon, cerrada*) (ZM:163: *bon, bolsa*).
Iribarren recolle a versión castelá deste refrán: *Paso de buey, diente de lobo y hacerse el bobo,* ó que engade estoutra variante: *Paso corto, vista larga, paciencia y mala intención, que ¡ya te llegará la ocasión!*. Tamén cita de Fernán Caballero as tres regras capitais da gramática parda: *Ver venir, dejarse ir y tenerse allá* (JMI: 344).
APG recólleo como adiviña, e dá como solución o tratante, naturalmente.

39 Taboada Chivite explícao como consello que dan os pais ós fillos que emigran.

40 XMSM: *háinos*.

41 Llópiz recólleo na *Colección de refranes* de Vicente Risco (Ourense 1953).

42 Tódolos informantes din *paríu*; DXC, XSL e XMSM: *despóis*; XMSH e ZM: *dispóis*.

43 Carb-L:100. No texto: *demáis*.

44 LimiaB:37, XAM:44. No texto: *trás, de un, xempre* (LimiaB); *sanóu, morréume, xempre* (XAM). Lis Quibén recolle esta variante: *A miña sogra sanóu/ y en Troques* [sic] *morreume o porco,/ tras do pobre sempre o demo/ anda co rabo retorto* (VLQ2:379). E Xaquín Lorenzo cita tamén esta copla castelá: *Mi mujer y mi caballo/ se me murieron a un tiempo;/ ¡que mujer ni que demonio,/ mi caballo es lo que siento.*

45 MRV:109.

46 MV91:38. No texto: *entroques*.

Como te pille no prado
como te pillei máis veces
heiche de meter no corpo
herba para nove meses. [47]

Como te pille no prado
como te vin moitas veces
heiche de meter no corpo
herba para nove meses. [48]

¡Está a vaca sin comer,
canta o galo no poleiro,
ronca o porquiño na corte.
ándache bo o pandeiro! [49]

Esta noite ha de chover
que turra do vendaval;
déixame meter, miniña,
o carro no teu pallal. [50]

Eu teño un canciño,
meu irmán ten dous,
o máis pequeniño
xa lle garda os bois. [51]

Eu teño un canciño,
miña nai ten catro
e o máis pequeniño
xa lle garda o gado. [52]

Gracias a Dios que me deu
unha mau con cinco dedos
e unha vaca con seis rabos
que pareu nove becerros. [53]

Ha de chover, que arrufia.
que venta do vendaval;
déixame meter o gando
meniña, no teu herbal. [54]

Indo por alí abaixo
coma quen non quer a cousa
atopei unha meniña,
metinlle o gando na chousa. [55]

Maruxiña, Maruxiña,
a do refaixo encarnado,
se te atopo nun camiño
heiche de carga-lo carro. [56]

Morreu miña avoa/ sogra
paréuno-la vaca
quedámo-los mismos
que eramos na casa. [57]

Moza que vénde-lo leite,
leva a miña que ten tona;
unha pingadiña sola
éncheche a barriga toda. [58]

Nena que buscas bo leite,
lévame o meu que ten tona;
unha pingueiriña sola
ándache a barriguiña toda. [59]

No prado da herba verde
fincan o fuciño as vacas
tamén eu se me deixaran
o fincaba nas rapazas. [60]

O cura de Andabao
puxo a criada na burra
e no medio do camiño
puxo a chavella na fura. [61]

---

47 Tea49. No texto: *mais*.

48 Lama2:118.

49 XTC2:91. No texto: *bó*.

50 XLF3:53. Localízaa na Maía. Xaquín Lorenzo recolle esta e outras cantigas semellantes, e comenta o seguinte: *El sentido humorístico del pueblo se pone de manifiesto en estas otras, en las que se utiliza el equívoco, bien en cuanto a la forma de las piezas del carro, bien en cuanto a su nombre.*

51 Lama2:210.

52 MRV:51. Forma parte dunha serie de sete cuartetas nas que a *nai* vai tendo sucesivamente tres, catro, cinco canciños, ata nove. A que copiamos é a única que fai referencia ó noso campo semántico.

53 Capela.:144.

54 XLF3:53. Localízaa en Muros.

55 DBP:1572. No texto: *metínll'o gando na chouza*. Corriximos, por paralelos coñecidos, *chouza* por *chousa*. O mesmo colector sinala en nota ó pé que tamén podería lerse *chousa*.

56 LimiaB:95, XLF3:53. No texto: *cargalo* (LimiaB, XLF3).

57 Berres2.

58 FBB8. Recolleuna en Negreira.

59 MRV:74.

60 FSLQ1:5. No texto: *N-o prado d'a herba, n-as rapazas*.

61 MRV:28.

Parrandeira, parrandeira,
que vas con uns ó mercado
e vas con outros á feira. [62]

Se te collera no prado,
como te collín máis veces,
habíache de deixar,
herbiña pra nove meses. [63]

Teño piollos na camisa,
tamén os teño no saio,
todos me teñen envidia
porque teño moito gado. [64]

Teño unha vaca leiteira
que a comprei na Bandeira;
non dá leite, non dá nada,
xa non teño quen ma queira. [65]

Vou contar catro mentiras:
polo mar andan as lebres
e nos montes as sardiñas.
Son un triste pasaxeiro
que vai polo seu camiño;
nas botellas levo pan
e nas alforxas o viño.
Cheguei onda unha taberna:
- ¿Taberneira, hai de comer?
Colleron os bois ás costas
e o arado foi beber.
... ... [66]

Romance do Boi Cebado e a Vaca Parda [67]

A ninguién lle paresca mal porque si a algún lle parecere
aquí non ten que vir facere
vouvos pedir un favore e atención por un momento
como escribano e notario vou a ler un testamento.
O día trinta de setembre pra Pesqueiras fun chamado
o Boi Cebado e a Vaca Parda fixeron o atestado
esta vaca como é parda quedou sin envacunare
si o vitirinario llo sabe boa multa vai pagare
tanto vicio ten a vaca como ten pouco traballo
aunque vaia ó Boi das Bufas nunca é farta de pringallo
marcha onde ó Boi do Bláquer e ó de Santa Lucía
quen miraba o Boi Cebado brinco abaixo brinco arriba
un home foi quen mirou a criada estaba á beira
cando empezou o ataque arrimado á xornaleira
o que fixeron non se sabe cando saliu pró camiño
debérona animar ben que levaba no fuciño
ela foi servir pra Alemania tuvo que vir repatriada
porque lle roubaban o sangre no sitio que traballaba
cando vai a algún viaxe marcha de luto cerrado
e no medio do camiño xa a Vaca viste de claro
o home fóra en Alemania e ela viuse embarrigada
marchou pra xunto del como se non era nada
así engañou o home e non tuvo pena del
e vén parir a Pesqueiras xunto ó pai de Maribel
como o pai de Maribel non ten fillos na mullere
e ten que cargar con ela porque o Boi xa non a quere
o pobre defuntiño foi gañar moito diñeiro
e a Vaca gastoullo todo pra manter ese larpeiro

---

62 Lama2:195, RC:170.
63 MRV:49.
64 VLQ2:376, JPBII:295.4. No texto: *n-a, n-o sayo* (JPB).
65 MRV:50.
66 LimiaB:170. Xaquín Lorenzo explica que é máis longa pero que non a atopou completa na Limia Baixa.
67 SCHU4/2/93bis. Recollido en Salvaterra, en 1978, de Josefina Camafeita Pazos, de 42 anos de idade.

en España non había quen quixera ó Boi Cebado
tivo que marchar pra Francia e alá encontrou paxaro
gracias a unha portuguesa que estaba desesperada
senón tiñan que valerse anque sea dunha cabra
tuvo outra vaca en Nogueira pero non lle tuvo cría
alá puxéronlle o Demo que pra asno [68] non servía
a abuela da Vaca Parda tamén anduvo amigada
ela o paxaro dela a ninguén lle importa nada
despois meteulle cobiza tamén amigou a filla
e a neta seguíu no mismo non se acaba a putería
o home da Vaca Parda foi cando estaba solteiro
deulle unhas puñeladas a Fernando do Casqueiro
o lugar das puñeladas iso pásalle a calquera
o home era asesino a e Vaca saliu rastrera
vai despor do capital pra ser ben admirados
os amigos e os parentes e os veciños achegados
pois a filla do Pichelas vai quedar de cuciñeira
xa se ve que é moi disposta e anda de perna lixeira
a miña prima Maruja como vén de Santa Marta
o bastón do Boi Cebado a ver si leva unha farta
a miña prima Saladina voulle deixare un xardín
e o leite que larga o Boi que é tan boa coma min
a Mercedes de Isolina non lle vou deixar máis nada
que a pixalleira do Boi que é a miña secretaria
tamén lle deixo a Carmen do Groba un cepillo e unha piña
sete barras de inxabón a ver si quita a morriña
tamén lle deixo atestado que lle quer de corazón
catro xerelos [69] salgados ó meu amigho Zarandón
a miña criada Josefa fixo moi boa criada
pró día do meu enterro heille de dar outra saia
á miña nai e o amigo Sapo algo queren si llo dan
déixolle os canos do cu pra beber auga no vran
á miña tía Consuela a esa non lle deixo nada
inda berrega comigho e gusta da cornetada
tamén a Juan do Prioca voulle deixar un cordel
e o meu coitelo da tenda porque me fuxiu con el
Angelito do Cuchón tamén lle vou a deixar
un carro de ghiadeira [70] porque el pouco pode andar
e tamén a Margharita non quero despreciar
dúas latas de sardiñas pra que fagha un bo xantar
pra un chamado Righera ese vai quedar millor
voulle deixar un negocio e ponche no mostrador
o meu amigo de Agromán voulle deixar un sombreiro
e dous bicos i un abrazo porque foi el o primeiro
e prá miña prima Fina tamén lle vou a deixar
a roda dun paragüero e a rede de pescar
tamén lle deixo a Florencio que é un home solteirón
unha maleta nas costas a ver si erghe o riñón
tamén a José do Checho déixolle as pernas dun gato
e os collóns do Boi Cebado pra que non sea chivato

68 *Asno* por *anxo*.
69 *Xerelos* por xurelos.
70 *Ghiadeira* quizais por silla de rodas.

pra un chamado Horacio voulle deixar vinte pesos
a ver si goberna os ghrillos que quero levar máis presos
e pra José do Canteira voulle dar unha cadela
que está á parte da muller a ver si se xunta con ela
e pró meu primo o Lijero voulle deixar millor dote
unha tisoura sin fío pra que rapuche o bighote
a miña sogra como é coxa non pode ir a ningún lado
queda a varrere a letrina co rabo do Boi Cebado
tamén lle deixo atestado a saqueta da mastura [71]
déixolle un can coa sarne á miña cuñada Pura
e prá miña prima Telma non hai prima coma ela
como é muller desposta vai quedar de camarera
á miña tía María como é muller leal
os tetos da Vaca Parda porque os colgue no portal
á miña tía Angelina voulle deixar unha bata
e as tripas do Boi Cebado pra que poña de corbata
o resto do capital por ir á terra francesa
os cornos meus e do Boi póñoos á portuguesa
acabouse o testamento da Vaca e do Boi Cebado
como notario dou fe que os parta ós dous un raio.

As vacas sen cornos [72]

Aí na provincia de Pontevedra había un matrimonio, que vivían pobres. Tiñan unhas vacas postas e vivían nunha casiña mísera, e tal. E claro, os viciños estaban no estranxeiro e xiraban cartos e tiñan *buenas* vidas e mulleres *buenas*, e tal; e a muller daquel tampouco nunca calaba:

-Pero, José ¿non te irás p'o estranxeiro, ho? Aínda veu hoxe fulana de cobrar trinta mil pesetas. E fulana ontes cobrou vintetantas, e tal. ¿Por que non te vas, ho?

-Eu non me vou. Que se vaia quen queira. Eu estou ben aquí. Non vou. Non vallo eu pa ir polo mundo, e tal e tal.

Pero un día volveu e díxolle:

-Mira, José: val máis que te vaias. Mira: fulana aínda cobrou hoxe trinta e tantas mil pesetas. Mira que casa ten, e tal.

-Eu non vou.

E díxolle ela:

-Pois se me deixas, voume eu.

-Se te queres ir, vaite.

E foise pa Alamania a muller. Efetivamente. Chegou aló e ao mes xa xirou; e volve pa o outro mes e volveu a xirar. E vai e chama carpinteiros e fixo unha casa. Pa o ano, aí vén ela de vacacións. Chegou á casa e díxolle el:

-Vaia, miña filla; gracias a Dios que ahora temos unhas vaquiñas boas e son nosas; temos unha casiña coma todo o mundo, e tal, e tal.

Pero mirou pa ela, e ela viña un pouco abultada, un pouco pa diante. E díxolle:

-Pero Carmen: tu non ves como fuche.

E díxolle ela:

-Ai, condanado: tu quería-las vacas sin cornos.

---

[71] *Mastura*, fariña de mestura.

[72] DBP2. O editor engade en nota a rodapé que é conto vello, do que aparece unha versión xa no *Libro de Buen Amor* do Arcipreste de Hita: o exemplo que lle sucedeu a "don Pitas Payas, pintor de Bretaña" (estrofas 474-485).

O velorio do tío Chinto [73]

Falouse que xa había tempo que non chovía e que facía moita falla unha orballeira. Ó gando había que lle dar herba seca e logo non quedaría para o inverno. Eu comentei que cando viña cara acó, ó pasar pola Gurita, vin un pasteiro grande e nel unhas vinte vacas a pacer.

Si. Os veciños do lugar xuntáronse e fixeron unha cooperativa e vailles moi ben.

Dá gusto ve-las vacas vizosas, ben mantidas. Non coma antes que lles saían os ósos por tódolos sitios. Parecía que ían fura-la pel.

Xa se chamaba a vaca do pobre. Daba leite, unha cría cada ano e traballaba a cotío.

Pero con chamarse a vaca do pobre inda había pobres que nin vaca tiñan.

Oín contar eu -dixo un de cabelo marelo e crespo- que, unha vez, en certo lugar había un matrimonio que non tiña un can. O anceio deles era chegar a unha vaca e, un día, o home marchou para Asturias a traballar na mina ou no que fora, por ver de merca-la vaca. Traballaba coma un condenado e cando tiña algún carto forro mandábao para a casa. Botou algo máis dun ano e un día recibiu unha carta na que a parenta lle dicía que xa podía voltar cando quixer, pois a vaca xa estaba na corte.

Veuse o home e a muller foi agardalo á estación. Baixou do tren e deulle unha aperta e foi cando se decatou de que ela tiña a barriga máis inchada do normal. Separouse un pouco. Mirou con cara de pasmón e dixo, sinalando ó vulto

- ¿E isto?

- E logo ti que querías ¿unha vaca sen cornos?

Os amigos [74]

Unha vez era un mozo que se gababa ante seu pai de ter moitos e bos amigos.

- Fillo, fólgome [75] *moito* -dixo o pai- *de sabere tal cousa, pois se é verdai* [76] *ireime contente pro outro mundo sabendo que che queda o amparo de tantos amigos e que terás quen che valla nos mores* [77] *apuros, mais certamente adimírome* [78] *da boa sorte que Dios che dou, pois eu en toda a miña longa vida solo puden conseguir medio amigo, que vive por certo, e como xa vou vello quería saber antes que a morte me cerre os ollos, se en efeuto tes tantos* [79] *e bos amigos como dis* [80]*. A proba podera consistir en que matemos un becerro, o poñamos en talladas e metamos nun saco; e logo á noite* [81] *vaste de casa en casa deses bos amigos* [82] *dicíndolles que nunha desputa* [83] *mataches un home, e que acodes a súa* [84] *boa amistade pra que che axuden a encubrir o crime.*

Pareceulle ben ó mozo [85] o que seu pai lle propuxera e, dito e feito [86], puxo maus á obra [87]. Matou o becerro, puxo en talladas e cargou coel ó lombo [88] en vindo a noite.

Foise figurando moito misterio e medo a casa dun dos millores amigos, e díxolle que matara un home e que lle demandaba a súa axuda pra tapar aquel crime. O amigo díxolle

---

73 XCL.

74 MVR1: 79-80.

75 No texto: *folgome*.

76 No texto: *s'é verdai*.

77 No texto: *móres*.

78 No texto: *adimirome*.

79 No texto: *se n'afeuto tés tantos.*

80 No texto: *dís*.

81 No texto: *a noite*.

82 No texto: *d'eses bos amigos.*

83 No texto: *n'unha desputa*.

84 No texto: *sua*. Tamén no resto do texto: *a sua axuda*.

85 No texto: *o mozo*.

86 No texto: *, e dito e feito.*

87 No texto: *a obra*.

88 No texto: *o lombo*.

que el [89] non se podía meter en negocio de tanta gravedade, que fose co morto a outra parte [90], e que fose tranquilo, que por el [91] non saberían nada.

Foise logo xunta outro amigo que el coidaba ser tamén [92] dos bos e doulle ca porta nos fuciños da mesma maneira que o primeiro.

Sen perder a esperanza, o mozo inda probou on terceiro, tamén dos bos amigos que máis [93] se lle tiñan ofrecido, e respondeulle máis [94] friamente que os outros.

Acovardouse [95] o mozo cavilando que se así lle habían correspondido os millores amigos ¡que faguerían os outros!

Co becerro ás costas [96] volveuse a casa cansado e desalentado, dicíndolle ó pai [97] que levara un triste desengano; que todos os amigos lle fallaran, que confesaba abertamente non ter un solo de cantos pensara que tiña. Despois de todo fora unha sorte o haber levado este amargo desengano.

Estonces o pai díxolle que aquela experencia non había de parar alí, que había de ir aquela mesma noite, tan tarde como era, a chamar á porta daquel [98] seu medio amigo, e dicirlle o mesmo que lle dixera ós que el coidaba que eran [99] enteiros amigos.

O mozo colleu outra vez o saco ó lombo [100] e foise a casa daquel [101] medio amigo do seu pai; chamou, díxolle quen era i a que iba [102], e de camiño lle abreu [103] dicíndolle:

- Si home, si [104], dunha [105] disgracia naide está libre; a ti fillo de tan bon pai pasouche esta, ¡que se vai faguer! Agora trataremos de encubrirte ás pesqueizas [106] da xusticia, e pra eso quedaraste eiquí, na miña casa, comerás do que nela [107] haxa, i hastra [108] que a cousa se vaia [109] ulvidando non salirás da porta pra fóra [110]. Ante todo vamos a enterrar na horta o cadavre [111]; se o alcontran [112] cargo eu co resco [113] que resulte.

Mais cálmate, fillo, cálmate, que eiquí non pasou nada e todo se ha de arranxar [114] ben se Deus fore servido axudarnos.

Foron á horta [115] que tras da casa estaba, enterraron o morto prantando coles encima, i aquela [116] noite non pasou máis [117] nada.

---

89 No texto: *qu'el* . Tamén no resto do texto: *qu'él coidaba.*
90 No texto: *co morto outra parte.*
91 No texto: *él*. Tamén no resto do texto: *xantaron con él.*
92 No texto: *tamen*. Tamén no resto do texto: *tamen un dos bos amigos*.
93 No texto: *mais*.
94 No texto: *mas* (sic).
95 No texto: *Acobardouse*.
96 No texto: *as costas*.
97 No texto: *o pai*.
98 No texto: *a porta d'aquel.*
99 No texto: *os qu'el coidaba qu'eran.*
100 No texto: *o lombo*.
101 No texto: *d'aquel*.
102 No texto: *y-a que iba*.
103 No texto: *decamiño le* (sic) *abreu*.
104 No texto: *Sí, home, sí*.
105 No texto: *d'unha*.
106 No texto: *as pesqueizas*.
107 No texto: *n'ela*.
108 No texto: *y hastra*.
109 No texto: *vaya*.
110 No texto: *fora*.
111 No texto: *cadabre*.
112 No texto: *s'o alcontran*.
113 No texto: *coa resco* (sic).
114 No texto: *s'ha de arranscar* (sic).
115 No texto: *a horta*.
116 No texto: *y'aquela*.
117 No texto: *mais*.

Pró outro día [118] veu o pai do mozo, que matara on home, dicíndolle ó seu [119] medio amigo o que pasara.

- Bueno, Antón, veño pra termos hoxe unha festa.

- ¿Pra festas estamos, Xerpe? ¡Mal sabes o que lle pasa ó teu fillo [120]! Entra que che contarei todo...

- Pois si, home, si [121], vamos ter unha festa pra festexar a satisfacción máis [122] grande que tiven na miña vida, a de saber que teño un amigo enteiro, cando eu coidaba que solo era medio.

- ¡Infeliz, se souberas o que pasa!...

- Si, home, si unha festa e teño un becerro morto pra celebrala. Anda conmigo á horta [123].

- Non, á horta non, que é [124] peligroso poñer alí hoxe os pés [125]. ¡Desgraciado! ¿non sabes a disgracia que ó teu fillo [126] lle pasa?

- Nada, nada, vamos á horta.

Foron á horta e alí contoulle o caso da proba dos amigos do seu fillo, e preguntándolle [127] onde estaba enterrado o defunto, desenterrárono [128], xantaron con el e figueron unha alegre festa os dous [129] vellos.

Multa por leva-las vacas antepostas [130]

Alá polos anos setenta do século pasado quempadescanse o Arturo da Barrela xunguiu as vacas ao carro e saíu á estrada nacional, mais en vez de ir el chamando a xugada pola corda antepuxo as vacas, que ben coñecían o camiño, e el sentou comodamente no carro. E de pronto apareceu a parella dos motoristas e púxolle unha multa por iren as vacas soas pola estrada dos coches con el sentado no carro. O señor Arturo escribiulle unha carta ao gobernador para que lle retirase a multa expoñendo os feitos. E a carta empezaba "*Iba yo trabajando y al mismo tiempo descansando...*".

Vaca marela, non hai quen poida con ela

O día 25.3.2002 *El Correo Gallego* daba a nova de que unha vaca lle gañara un preito a un home. Con ela rematamos.

Unha vaca acaba de gañar un xuízo. Foi en Pontevedra; unha vaca resultou con feridas leves nunha colisión cun coche, que á súa vez acabou con danos varios. O piloto alegou que a vaca saltara sobre o seu vehículo, que tiña aparcado na beiravía dunha estrada próxima a Ponteareas. A vaca non debeu alegar nada, pero o xuíz, persoa de xuízo e polo tanto consciente de que todas son respectables e dignas de crédito, fallou a favor dela, considerando que os feitos en realidade foran outros: que o condutor, en estado de ebriedade, chocara con ela na estrada, como probaron as pegadas de freada achadas na calzada, recta e sen desniveis. O antivacún foi condenado a pagar unha multa de 200 euros e á retirada do carné de conducir durante ano e medio.

---

[118] No texto: *Pro o outro día.*
[119] No texto: *dicindolle o seu.*
[120] No texto: *o teu fillo*.
[121] No texto: *sí home, sí*. Tamén pon tiles no resto do texto.
[122] No texto: *más* (sic).
[123] No texto: *a horta*. Tamén no resto do texto: *Non, a horta non, vamos a horta, foron a hora*.
[124] No texto: *qu'é*.
[125] No texto: *pes*.
[126] No texto: *o teu fillo*.
[127] No texto: *preguntandolle.*
[128] No texto: *desenterrarono*.
[129] No texto: *dos* (sic).
[130] Carte4.

Capítulo 15. A VACA NA TOPONIMIA GALEGA

Capítulo 15. A VACA NA TOPONIMIA GALEGA

A toponimia é o conxunto dos nomes dos lugares nos que vivimos, nos que traballamos ou dos que simplemente dispoñemos.

Un só concello, Viana do Bolo, ofrece toda esta toponimia bovina [1]:

Microtoponimia bovina de Viana do Bolo			
Topónimo	Aldea	Parroquia	Tipoloxía xeográfica
A Chaira dos Bois	Seoane de Arriba	Santo Adrao de Solveira	Monte baixo / Matogueira
A Devesa dos Bois	Rubiais	San Cibrao de Rubiais	Terreo mixto
A Mallada de Bois		San Sebastián de Pradorramisquedo	Monte baixo / Matogueira
A Pedra dos Bois	Fradelo	San Vicenzo de Fradelo	Bosque autóctono (carballeiras, soutos...)
Fonte do Penedo dos Bois	Pexeiros	Santa María de Pexeiros	Fonte (manancial)
Matabois	Mosexos	Santa María de Pinza	Bosque autóctono (carballeiras, soutos...)
O Penedo dos Bois	Pexeiros	Santa María de Pexeiros	Rochedo (colectivo)
O Tuso do Boi		San Pedro de Ramilo	Monte baixo / Matogueira
Ollo de Boi, Ollo de Boi Pequeno	Fradelo	San Vicenzo de Fradelo	Prados / Pasteiros
Campo de Becerros		Santa María de Cepedelo	Monte baixo / Matogueira
As Pedras do Sestil das Vacas		San Sebastián de Pradorramisquedo	Rochedo (colectivo)
O Curral das Vacas	Santa Mariña de Froxais	San Xoán de San Martiño	Labradío
O Curral das Vacas	San Martiño	San Xoán de San Martiño	Labradío
O Sestil das Vacas		San Vicenzo de Vilaseco da Serra	Bosque (piñeiros, eucaliptos...)
A Mallada do Touro	Dradelo	San Sebastián de Tabazoa de Umoso	Bosque autóctono (carballeiras, soutos...)
O Toural		Santiago de San Mamede	Labradío
O Toural		Santa María de Viana do Bolo	Terreo mixto, Barrio urbano e Centro comercial
O Toural		Santa María de Fornelos de Filloás	Prados / Pasteiros
Rúa do Toural		Santa María de Viana do Bolo	Estrada

[1] Agradecemos esta información á Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, que recolleu Ana Vidal Castiñeira.

Se, cando un concello se estuda exhaustivamente, como é o caso de Viana do Bolo, aparece tanta toponimia bovina, xa se ve que a presenza do boi e da vaca na toponimia galega é intensa; pero ademais é coherente coa enorme cantidade de palabras, de ditos, de refráns, de cantigas, de contos e de lendas que inspiraron estes animais domésticos. Que eles sexan para os galegos un manancial de referencias toponímicas é unha nova proba da importancia que tiveron e teñen na historia económica e mental dos galegos.

Hoxe dispoñemos da relación completa e oficializada dos nomes de 37.308 lugares habitados (*Nomenclátor* que se pode consultar na Rede na páxina da Xunta de Galicia: http://www.xunta.es/toponimia-e-nomenclator) e que se coñece como *toponimia maior*. Pero aínda se está a traballar na recolleita dos centos de miles (probablemente máis dun millón) de topónimos de terras cultivadas ou incultas, cursos de auga e accidentes de terreo terrestres e marítimos, e que se coñece como *toponimia menor* ou *microtoponimia* [2]. En calquera caso, naquilo que xa coñecemos, o gando é unha referencia ben perceptible: hai lugares que quedaron para sempre vinculados a un becerro, a unha vaca ou a un boi, ben porque era un lugar no que o gando pacía, bebía ou se recollía, ben porque a un bovino lle aconteceu alí algo chamativo que quedou na memoria, ben porque hai (ou houbo) algo que, mirado con certa perspectiva, semellaba o corpo ou unha parte do corpo dunha vaca, dun boi ou dun becerro, e isto tanto en terra coma nos accidentes que parece que emerxen do mar.

Na antroponimia, en cambio, a presenza de conceptos bovinos é moito menor. A referencia máis importante é ás *becerras* e ós *tenreiros*, sendo menor a de *becerro* e insignificante a da *tenreira*. Hai 94 referencias á vaca. Non hai nada referido ós *bois* nin ós *touros*, nin ós *terneiros*. Existe a presenza da forma castelá *Buey.* Fronte a isto último, a desproporción do apelido *Toro* fai pensar nunha posible orixe toponímica zamorana ou galega (segundo se verá), maiormente por non existir tampouco a referencia a *touro*, a *boi* e por ser escasa a referencia a **buey*.

APELIDOS	NÚMERO
Becerro ~ Becerra	29 ~ 2.888
Tenreiro ~ Tenreira	1.555 ~ 1
Toro ~ Toros	474 ~ 0
Vaca ~ Vacas	33 ~ 61
Buey ~ Bueyes	13 ~ 0
Boi ~ Bois	0 ~ 0
Touro ~ Touros	0 ~ 0
Terneiro ~ Terneira	0 ~ 0
Ternero ~ Ternera	0 ~ 0

Becerra e *Tenreiro* son os apelidos bovinos máis frecuentes e manifestan que dende hai case mil anos a atención do galego estivo posta no animal non adulto. En 1226 xa figura nun documento de Sobrado un *Rodericus Tenreirus.*

15.1. Cautelas necesarias para falarmos de toponimia: non sempre é certo o que parece evidente

Tódolos topónimos significan algo, porque o home os creou para distinguir uns lugares doutros e para se referir a eles. Pero a motivación non sempre é transparente: nuns casos, porque a palabra é dunha lingua xa desaparecida (hai topónimos moi antigos) e, noutros, porque usa palabras vivas pero con formas ou significados que hoxe xa non son usuais. Máis dunha vez resulta falso o que, á primeira vista, parece evidente.

Son trasparentes hoxe aqueles topónimos que se crearon xa en galego (*Feira, Prado, Pé de boi*), pero os que se crearon con elementos xermánicos ou latinos ou mesmo prelatinos xa precisan a explicación etimolóxica dun especialista, que ten que reconstruí-la historia desa palabra.

Un exemplo: á secuencia actual *–boi-* pódese chegar, polo menos, dende as palabras latinas *bovem* ("boi") pero tamén dende *boni* ("bo") ou *avoli* ("avó"); e aínda se pode chegar dende a raíz xermánica (gótica)

[2] En todo este capítulo os datos de microtoponimia referidos a penedos, cons, coídos e semellantes debémolos á cortesía de Vicente Feijoo Ares, especialista na materia.

baud ("ofrecer") e, se cadra, dende algunhas palabras prerromanas que coñecemos mal. É dicir, diferentes palabras antigas poden confluír de maneira natural nun mesmo resultado actual. E o mesmo podiamos dicir das secuencias *–tour-, gand-*. Isto fai que o que parece evidente non sempre sexa certo.

Ademais desta confluencia natural, hai outra artificial coa que hai que contar. En tódalas linguas se producen casos de ultracorrección porque o falante, querendo falar ben, deforma unha palabra correcta pensando que é incorrecta ou que é dunha lingua veciña [3]; e a tentación de corrixi-la toponimia vén porque a todos nos gusta saber qué significan os nomes dos lugares onde estamos e un pequeno retoque fai que unha palabra opaca se volva transparente [4]. Isto fai sospeitar, como veremos en 15.2.13, que un topónimo medieval *Torus*, se cadra, converteuse xa nos documentos medievais latinos en *Taurus* [5] , e nos galegos en *Touro*. Esta manipulación da toponimia existiu sempre e isto fai máis difícil saber se un topónimo, que hoxe parece ter que ver co gando, xa tiña ese significado na Idade Media e nalgúns casos os estudosos insinúan que a forma que aparece nos documentos medievais pode ser tamén unha tradución-adaptación-interpretación do topónimo real. E, cando unha interpretación se consolida, a distancia entre significado orixinal e significado actual redúcese ata facer lexítimo polo uso social o significado que era ilexítimo pola etimoloxía.

Vexamos, logo, algunhas cautelas indispensables para falar de toponimia.

15.1.1. Buscar unha etimoloxía é viaxar ó punto de partida

Buscarlle a etimoloxía a unha palabra é como volver facer unha viaxe en tren pero agora marcha atrás ata o punto de partida. Para atinar cómpre coller pola dirección acertada en tódolos cambios de agulla. A dificultade é grande, porque, con que un se trabuque nun cambio de agulla, irá por onde o tren non veu e chegará a un falso punto de partida. Iso significa que hai que encontrar documentos que acrediten as sucesivas formas que esa palabra tivo nos últimos 1.000 ou 2.000 anos e iso rara vez é posible encontralo. Pero, mesmo cando se consegue, se a palabra orixinal non é latina, o problema non acaba, porque a lingua ou linguas que falaban os galaicos anteriores á chegada dos romanos desapareceron e sábese tan pouco delas, que mesmo os especialistas teñen que andar en pés de la.

Poñamos só un exemplo do que é atinar ou trabucarse nos "cambios de agulla". Cando vemos que en Lugo hai *Samos* e que no mar Exeo hai unha illa de *Samos*, podemos caer na tentación de dicir que o noso *Samos* se chama así porque os antigos gregos colonizaron Galicia. Non imos excluír que os gregos andasen por aquí [6] pero hai que retroceder no tempo buscando a documentación. E así vemos que *Samos* no 1174 chamábase *Samoos* [7]; que en 1087 chamábase *Samaos* [8]; e que no 785 chamábase *Samanos* [9]: é dicir, indo cara atrás, o noso Samos parécese a cada paso menos ó Samos grego. Quere isto dicir que do *Samanos* medieval galego pódese chegar ó *Samos* actual pero do *Samos* grego non se chega ó *Samanos* medieval galego: en consecuencia o noso *Samos* non ten nada que ver coa illa exea de Samos; hoxe soan igual pero non son a mesma palabra.

Os cambios de agulla son as transformacións das palabras en etapas anteriores da lingua e só os documentos poden acreditar que estamos retrocedendo no tempo pola vía correcta. O que saben os especialistas en linguas xermánicas e románicas dá conxuntamente unha luz moi importante. Pero cando se fala de linguas prerromanas, a luz é pouca, os propios documentos son escasísimos e cómpre ter tino para non substituíla pola fantasía.

---

[3] É o que acontece cando nos parece que temos que dicir *zoa* por *zona, calqueira* por *calquera;* en castelán *expléndido* por *espléndido*; en inglés *it's* (posesivo) por *its*; en francés *language* por *langage.* Estas esaxeradas autocorreccións en galego denomínanse 'hiperenxebrismos'.

[4] A toponimia galega padeceu en tempos manipulacións deste tipo pero debidas ó interese político de facer transparentes en castelán os topónimos galegos: así transformaron *Niño d'aguia* en *Niño de la Guía,* ou *Acea d'ama* en *Haciadama*.

[5] Tense dito que os antigos *Campi Gothorum* acabaron dando *Toro* (Zamora) pero o certo é que este *Toro* chegaría a escribirse en documentos latinos como *Taurum.*

[6] Quen quixer saber de fonte limpa en que se basea e como se formula hoxe a presenza dos gregos en Galicia (tradición admitida ata a aparición da teoría celtista a fins do século XIX) debe consulta-lo documentado estudo de J.J. Moralejo "De griegos en Galicia" (JJM: 53-88).

[7] Segundo un documento de 1174 da Catedral de Ourense: *monasterio de Samoos duos serviciales in Guimaranes et alios duos in Sanctum Iohannem*.

[8] Nun documento de 1087 da catedral de Santiago asina un *Fromaricus abbas de Samaos conf[irmat]*. E nun documento de Samos de 1192 aínda se fala de *Samaos (et monasterio sancti Juliani de Samaos)*.

[9] *et serviat ad dominos de casa de Samanos, sicut illi iusserint omnia secula.*

15.1.2. A fantasía vale para dar nome a un lugar pero non para explicar un topónimo: *Boimil* e *Boído*

No acto de poñerlle nome a un lugar funcionan, como dixemos, moitos procedementos: observación das características do sitio, cousas ás que se parece (*Pena Corneira* porque semella un corno que sae da terra), feitos rechamantes que alí aconteceron ou mesmo crenzas míticas, coma a de que un bovino, por arte de encantamento, quedase transformado nun penedo (*Pena do Boi Louro*). Na creación da toponimia a fantasía, a metáfora, o simbolismo teñen toda a liberdade, porque a palabra e o significado son da mesma lingua e o resultado é motivado e transparente.

Pero na interpretación actual dun topónimo creado hai mil ou dous mil anos a fantasía non dá luz ningunha e é mesmo cegadora.

Vendo hoxe os topónimos *Boimil* e *Boído,* unha impresión superficial podíanos facer pensar que aquí se fala do "boi número mil" e dun "boi que marchou". Chegou mesmo a circular un conto que pretendía explicalos así. Recólleo Armando Cotarelo [10]:

> *O orixe de tales nomes está pra os veciños de Boimorto en que vindo certa vez por estas terras un ganadeiro con moita récua (Boi-mil), desmandóuselle unha das cabezas (Boy-ido) que fuxiu perseguido pol-os mozos hastra que o mataran (Boi-morto).*

Celso de Baión [11] recolle tamén esta lenda, desenvolvéndoa un pouquiño máis:

> *En tempos antergos, cando aquelas terras aínda non tiñan nome, pasóu por alí un rico propietario de moito gando -mil ou máis cabezas, asegúrase-. E como quer que o pasto era bo, parouse alí de asento pra que a facenda pastara nos fartos herbales. As xentes que tal viron asombrábanse de tanta riqueza, e quedoulle ao lugar o nome de Boi-mil.*
>
> *Nesto acontecéu que un dos bois moscouse e botóu a fuxir. Andaba o animal un pouco arredado da manada, e aquil sitio chamóuse Boi-ido. Mandóu o amo aos mozos pastores que fosen recadalo; correron en pos del, pero non conseguiron botarlle man porque era moi bravo. Entón determinaron de darlle morte, pra aproveitar polo menos a carne e máis o pelexo. O remate da historia deu orixe ao nome do lugar: Boi-morto. ¡Velaí!*

Pero as cousas non son así. Os nomes xermánicos adoitan ser compostos de dous elementos e a terminación *–mil*, frecuente na nosa toponimia [12], sabemos que é xermánica, procede de *mera ~ mêreis* (latinizada *mirus*) co significado de "famoso" e dela veñen nomes de persoa coma *Miro, Ramiro, Edelmiro, Ansemiro, Arximiro, Teodomiro, Clodomiro* ou *Xelmiro*: polo tanto non ten nada que ver co número 1.000. *Boimil* é a pervivencia dun antigo antropónimo en *–miri* (xenitivo) co significado de "(casa de) Boimiro", nome xermánico que xa aparece nun documento de 1157 no que se di *et inde per diuisionem inter Boimir et Andauao deinde ad pontem de Preseres*: é dicir, fálase de dous lugares do concello de Boimorto - Boimil e Andavao - e doutro – Présaras - do concello estremeiro de Vilasantar [13]. E, se a terminación *mil* non ten nada que ver co número 1.000, a primeira parte *Boi-* tampouco ten que ver co boi, aínda que aquí os especialistas discuten se é o latino-xermánico *bonus* "bo" [14] ou o xermánico *baud* "ofrecer" [15]: é dicir, o nome orixinal podería ser *Bonimirus* (que, por certo, encontramos en documentos de Celanova de 873 e de 923 e noutro de Sobrado do ano 1000) ou *Baudemirus.*

Sería así *Boimil* un topónimo latino, ou xermánico ou híbrido latino-xermánico, irmán de *Boimir* (lugar da parroquia de Soandres, concello da Laracha) e, se cadra, parente do portugués *Boumilo* e do asturiano *Bolmir*. Pero, como se ve, en *Boimil* non se fala de boi ningún. O que parece non é.

Boído, lugar de Boimorto, se cadra, ten relación con *Buíde* (Begonte), que parece se-la *villa Boniti* dun documento de Sobrado de 959 (*villa Boniti in territorio Rabati*) e *Bonitus* era un nome medieval de persoa [16]. Pero non debemos esquecer que, se cadra, ten algunha relación con *Boedo* (en Culleredo, Camariñas e Cerceda pero tamén en Cantabria) e que é palabra viva co significado de "terreo pantanoso" en Laxe,

---

[10] ACV2a: 8. Tamén recolle esta mesma lenda, do mesmo Cotarelo, Eladio Rodríguez (ERG:etimoloxía).

[11] CB: 17.

[12] *Samil, Ramil, Toimil, Arxemil, Ansemil, Loimil, Bertamil* etc.

[13] En documentos de Caaveiro de 1097 e 1098 cítase a parroquia de S. Xurxo de Magalofes, ó pé do monte Boimir, entre os ríos Xubia e Eume (*aula Sancti Georgii de Magalofes, subtus alpeum Boimir, inter duos fluminis Iubia et Eume*).

[14] *Bonus* é antropónimo de época romana (IK: 274).

[15] Desta raíz probablemente procede o nome *Baudilio.*

[16] E houbo dous santos deste nome, un o cuarto abade de Montecassino († 582), testemuña da destrución do mosteiro polos lombardos, e outro o bispo francés de Clermont (623-710); é posible que do primeiro trouxesen o culto os frades bieitos.

Guitiriz e Feás (Aranga) e por iso ERQ5 (249-250) considérao un hidrónimo pero que probablemente é un abundancial (*-edo*) da planta *buda* (espadana).

Sexa o que for, nin *Boimil* ten nada que ver con "mil bois" nin *Boído* cun suposto "boi que fuxiu". O que parece non é.

Que un topónimo milenario, procedente dunha lingua desaparecida, soe actualmente coma dúas palabras galegas de hoxe, non é garantía ningunha e non autoriza a interpretalo (etimoloxía) coma se fose creado pola lingua actual [17]. Véxase igualmente o que diremos de *Meixaboi* en 15.2.14. Un topónimo só ten sentido pleno na lingua en que foi creado.

15.1.3. Un topónimo pode ser transparente e discutido: *Boimorto*

Insistimos en que na interpretación actual dun topónimo antigo, creado nunha lingua xa desaparecida, a fantasía non ofrece luz ningunha, porque a palabra é dunha lingua (antiga) e o significado é suxerido por outra lingua (actual). Inventar agora un relato para explicarmos na lingua de hoxe un nome creado antigamente noutra lingua carece de todo valor científico. Por iso o conto de *Boimil* e *Boído* é un puro pasatempo que non nos achega á verdade que buscamos.

Descartado polos especialistas que *Boimil* e *Boído* falen de bois, tamén hai quen descarta *Boimorto*: UCA3 [18] ou ERQ5 (250) entre outros; este considera que o primeiro elemento sería mesmo precéltico e designaría un humedal relacionándoo cun topónimo parecido de Monforte, *Baamorto* [19].

Pero no caso de *Boimorto* a nós si que nos parece que se fala dunha morte de boi, aínda que descoñezámo-las circunstancias. Vexámo-las razóns.

Hai dous núcleos de poboación que se chaman *Boimorto*: un na provincia de Ourense (concello de Vilamarín) e outro na da Coruña, que é concello de seu. O primeiro debe de se-lo que aparece xa coa grafía actual nun documento latino de Celanova datado en 961 no que Rekaulfo lle vende a outro unha propiedade "entre Sambade e Boimorto polo prezo dunha vaca bragada que lle gustou moito" [20]. Non é seguro pero parécenos que este *Boimorto* ourensán é o que xa aparecera como *Bove morto* en documentos do ano 941. En cambio o *Boimorto* coruñés aparece como *Bove mortuo* en documentos de Sobrado de 994 e curiosamente o nome parece recente, porque ó menta-la igrexa de Santiago (Santiago de Boimorto) [21] di "onde lle chaman Boimorto" (*ubi dicunt Bove mortuo*) [22]. Este Boimorto coruñés volve aparecer como *Bovem Mortuum* nun documento real de 1133 [23]. E no 1344 figura como posible apelido ou alcume (Aras Peres *Boimorto*).

Se estes lugares hai mil anos corrían nos documentos como *Boimorto, Bove mortuo* ou *Bove morto,* o feito de que unhas formas traduzan as outras fai evidente que hai mil anos a xente xa entendía que estes eran lugares nos que morrera un boi e que esa morte quedara na memoria local ou polas circunstancias nas que se produciu ou, se acabou comesto polos lobos e aves rapaces, polo cheiro que deixou ou por algunha outra razón. De feito temos tamén *Mámoa do Boi Morto* na provincia de Pontevedra e en Asturias tamén hai un *Guou Mortu* (JMG:189-204) e hai unha reserva natural protexida pertencente a Cataluña e Andorra que se denomina *Serra del Bou Mort,* en Francia e na Güiana francesa hai *Boeuf Mort* [24]*,* e en Italia hai *Bue morto* e en Arxentina *Buey Muerto.* J.M. Piel tamén o considera un zootopónimo.

---

[17] Isto levou a considerar disparatadamente gregos topónimos coma *Samos, Ares* ou *Troáns* porque hoxe soan igual que nomes propios de lugares, deuses ou persoas da antiga Grecia. Mesmo algúns pensaron que *Feirobal* puidese ser "feira do val" cando dende Moralejo, sabemos que ese topónimo é irmán de *Foilebar* (que tampouco significa o que parece) e os dous son fillos de *fogium lupale* "foxo (para cazar) o lobo" (AML).

[18] *El significado del nombre de 'Boimorto' no debe buscarse hoy en su traducción castellana actual 'Buey muerto'. Boi es radical de muchos otros nombres de lugares y personajes históricos o legendarios y, por consiguiente, otra acepción debió tener anteriormente, distinta de la que se quiere darle ahora* (UCA3:VI,25). Véxase tamén a nota 46 na epígrafe 15.1.5.

[19] Aínda que existe algún topónimo híbrido, non parece seguro que de *Baamorto* se pasase a *Boimorto* e, por parte, ese primeiro elemento *baa* (que aparece tamén en *Baamonde* e *Bamiro*) adoita explicarse como xermánico (gótico) co significado de "loita", co que o recurso a linguas prerromanas e precélticas neste caso non parece xustificado.

[20] *inter villa Sanbadi et Boimorto et accepi de te precio vaka colore brakada que mihi bene complacuit.*

[21] Este documento fala dun *territorio Bavegio* que comprendía, polo menos, Boimorto e mailo val de Présaras (hoxe concello de Vilasantar).

[22] *sci. Iacobi apostoli, que est fundata in Bauegio ubi dicunt Bove mortuo.*

[23] *et inde ad Boucam de Condessa, et inde ad Rubeyra, et inde ad fontem de Mino, et inde ad Bovem Mortuum, et inde ad Portum de Quihiriz* [Queirís, Moar, Frades], *et inde ad infesto per ipsum rivulum de Menede, et inde per terminos qui sunt inter Coyroos et Colantes, sicut vadit ad ipsum rogium....*

[24] No Centro de Francia, entre o Berry, a Touraine e o Poitou, está o Parc de la Brenne e nel está a Forêt de la Luzeraize na que hai unha poza grande que lle chaman a do Boi Morto (*un étang dit du 'Boeuf Mort'*).

Máis aínda, segundo nos informa Vicente Feijoo Ares, na toponimia menor de Galicia aínda existen, polo menos, tres novos lugares que se chaman *Boimorto*: un en Porzomillos (Oza dos Ríos), outro no Grove, e outro en Carnés (Vimianzo); e en Cambas (Aranga) hai unha fonte chamada *Onde morreu o Boi de Miño* [25]. E hai outras mortes de bovinos encriptadas na toponimia: *As Penas do Boi de Rosa* en Estelo (Os Remedios, Mondoñedo), son unhas penas pequenas onde disque morreu despenado un boi do que era dona unha veciña chamada Rosa; como se ve, este topónimo non menta explicitamente a morte do boi senón simplemente quen era a súa infortunada propietaria.

Hai unha razón complementaria: temos outros topónimos paralelos, como *Gatomorto* (Xeve, Pontevedra), *Lobomorto* (Arceo, Boimorto) e *Lobamorta* (Ourol) e, se ampliámo-la observación á toponimia menor, hai máis paralelos: *A Cerva Morta* (en Oleiros, Vilalba), *A Ovella Morta* (en Ois, Coirós), *A Cabra Morta* (en Lieiro, Cervo), *O Porco Morto* (en Abelleira, Muros), *Porcomorto* (en Goiáns, Porto do Son), *O Can Morto* (en Lestedo, Palas de Rei), *A Gata Morta* (en Momán Cospeito), *Rego da Gata Morta* (en Momán, Xustás e Bexán, Cospeito), *O Alto das Burras Mortas* (en Burgueira, Oia), *O Cabalo Morto* (en Ferreira de Pantón, Pantón) e, sobre todo, *Becerra Morta* e *Camiño de Becerra Morta* (en Trasestrada, O Riós), *Vaca Morta* (en Covas, Ferrol), *As Penas da Vaca Morta* (en Adelán, Alfoz), *O Camiño a Vaca Morta* (en Beade, Vigo), *O Outeiro das Vacas Mortas* (en Xesta, A Lama), *A Rega das Vacas Mortas* (en Alongos, Toén) e *Touro Morto* (en Loureza, Oia) [26].

En vista de todo o dito, parécenos inverosímil que o único topónimo desta serie que non se refira á morte do animal sexa *Boimorto*: máis lóxico é supoñer que todos estes topónimos nacesen porque alí apareceu morto un animal. Ir máis aló parécenos innecesario e de resultados menos fiables.

Outra cousa é que non saibamos qué morte especial puido determina-la fixación dese feito a un lugar e orixinar así o topónimo. Se tódolos bovinos acaban normalmente na cortadoría e unha morte no monte non debeu de ser inusual ¿por que a morte dun boi quedou escrita para sempre como denominador dun lugar? Quizais haxa que pensar nunha morte inusual, en circunstancias excepcionais, un ataque especialmente cruento de lobos (que aínda hoxe se producen en Galicia [27]), o afogamento nun río, unha morte en pelexa pola xefatura da grea [28] ou algo como o que prescribe a Biblia (Éxodo 21 -22) en certos casos:

> *[28] Se un boi cornea un home ou unha muller, causándolle a morte, o boi será acantazado e ninguén comerá a súa carne; o dono será declarado inocente. [29] Pero se o boi era turrón xa de atrás e, advertido o seu dono, este non o gardou, o boi morrerá acantazado e o seu dono será reo de morte. [30] Se lle impoñen un rescate pola vida, terá que paga-la cantidade que lle impoñan. [31] Se o boi cornea un rapaz ou unha rapaza, seguirase a mesma regra. [32] Se o boi turra contra un servo ou unha serva, o dono terá que pagar ó dono destes trinta siclos de prata e o boi morrerrá acantazado. [...] [35] Se o boi de alguén manca o boi doutro e o mata, venderán o boi vivo e repartirán os cartos, e o boi morto tamén irá a medias. [36] Pero se era sabido de atrás que o boi era escornón, e o seu dono non o gardou, terá que pagar un boi por outro e o boi morto será seu. [...] [22,9] Cando alguén lle encargue ó seu veciño a garda dun xumento, dun boi, dunha ovella ou de calquera outro animal e ese animal morre, creba un óso ou é roubado, sen que ninguén o vexa, [10] o segundo xurará polo Señor ó primeiro que non tocou os seus bens. Este terá que conformarse, pois non haberá compensación. [11] Pero se lle roubaron o animal á súa vista, terá que restituírllo ó seu dono. [12] Se o animal foi despedazado, presentará unha proba e non terá que pagalo. [13] Cando alguén lle pida a un veciño un animal prestado, se o animal morre ou rompe un óso estando ausente o seu dono, aquel terá que pagarllo. [14] Se o dono estaba presente, non terá que pagarllo. Se o animal era alugado, entra no aluguer.*

Como se ve, a Biblia contempla eventualidades moi prosaicas e precisas e lexisla sobre elas. Polo tanto, é posible que os *Boimorto* que hai en diferentes linguas aludan a feitos coma os que contempla a Biblia ou a outros máis prosaicos. E, polo tanto, é ben posible que unha morte de boi quedase na memoria colectiva

---

[25] Esta é información que solicitamos e agradecemos ó Proxecto Toponimia de Galicia, que está en marcha, baixo a dirección da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, no SITGA.

[26] Por suposto que tamén hai na microtoponimia *A Muller Morta, Camiño da Muller Morta, Camiño dos Mortos, Cruz do Morto da Cova, Mouro Morto, Os Homes Mortos, Pousa dos Mortos, Regato da Muller Morta, Val do Morto.*

[27] Coñecemos unha persoa, nada en Vimianzo, a quen en 1953 e con cinco anos adentou o lobo pero salvouno a roupa que levaba posta, os veciños que lle acudiron en tempo e conseguiron liberalo e maila ciencia do médico compostelán Baltar.

[28] Na primavera é cando se producen os combates entre bois disputando a xefatura da grea. Os pastores que subían a pastos de montaña esperaban a que este asunto quedase resolto porque, de producirse o combate nun alto, algún boi podería caer monte abaixo e escornarse ou mesmo morrer.

polas consecuencias que trouxo; quizais mesmo un preito dirimido con esta base bíblica que os sacerdotes saberían aducir. A morte dun bovino é unha enorme perda económica para un gandeiro tradicional e non estraña que quedase marcado na memoria o feito e o lugar onde se produciu [29].

Parécenos innecesario botar man de hipóteses filoloxicamente máis complicadas e non leva a ningures inventar un conto que encha o baleiro da ciencia.

15.1.4. A explicación dun topónimo (etimoloxía) esixe encontra-la forma medieval intermedia entre a forma moderna e a forma primitiva. O caso de *Sacardebois*

Insistimos no dito en 15.1.1.: buscar unha etimoloxía esixe documenta-las formas que esa palabra tivo en séculos e milenios anteriores, para non irmos dar a un punto de partida equivocado. Vexamos agora outro caso exemplar que ten que ver co gando.

Sacardebois. Parroquia de Parada de Sil (Ourense). A este topónimo dedicáronlle moita atención diferentes estudosos. O P. Sarmiento no século XVIII escribiu:

> *Sacar de Boys en Caldelas. Boys no es Boves sino parte de Riparia, Riboyra Sacrata, o Sacra Reboyra* (FMS1: I,139,413).

É dicir que, para el, *sacar* tiña que esconder un *sacra* e o resto tiña que ser *riboira,* forma medieval galega do latín *riparia* ("ribeira"). Polo tanto aquí non se falaría de boi ningún senón de *Sacra riboyra* (é dicir, *Sacra Riparia*), o que hoxe chamamos a *Ribeira Sacra* do monaquismo medieval, ou en termos xeolóxicos o *Canón do Sil.* Así que Sacardebois sería, para Sarmiento, a zona matriz desa comarca tan rica en monxes na Idade Media [30] coma hoxe en viños de calidade.

A autoridade filolóxica de Sarmiento é moita pero temos que dicir que é case imposible lingüisticamente deducir *Sacar de bois* de *Sacra Riboyra* [31] e, por parte, o documento orixinal, do que prepara a edición Ramón Lorenzo, fala de *rouoyra* [32] (que significa "carballeira") non de *riuoyra* [33]. Por todo iso, outros estudosos, como AMS, consideran simplemente que *Sacar de bois* é un topónimo de orixe incerta.

Recentemente Elixio Rivas Quintas deu cun documento de 1204 importante que, si, fala de Sacardebois. Lembremos que Sacardebois é parroquia do concello ourensán de Parada de Sil e que nese mesmo concello está Santa Cristina de Ribas de Sil, marabillosa igrexa románica e antigo mosteiro, na actual parroquia de

---

[29] En 8.1.3. xa dixemos que en Galicia parece que non foi práctica habitual a existencia dos pudrideiros, que en castelán se chaman *muladares.* Aínda que na toponimia temos topónimos como *Veitureira* (véxase 15.2.13.1), poden referise - polo menos tamén - a outro tipo de animais.

[30] Na *Etymologia del nombre del Lugar de S. Martín de Sacar de Bois, en el país de Caldelas* (FMS7), ó que tivemos acceso por cortesía –que agradecemos - do Proxecto Sarmiento do Consello da Cultura Galega e do Instituto da Lingua Galega, Sarmiento empeza defendendo que Sacardebois é o *Riboira sacrata* do documento fundacional de Montederramo do ano 1124 [*locum qui dicitur Rouoyra Sacrata qui est in Monte de Ramo, territorio Caldelas*] pero despois escribe *No solo el sitio de san Martin de Sacar de Boys, sino tambien otros lugares Sil abajo, y Sil arriba se llaman hoy* [1758] *de Sacar de Boys. Esto prueba, que la Sagrada Ribera comprenhendia un buen pedazo de terreno en las Riberas del Sil. Lo que primero se ofrece crer es que ese terreno tomo el nombre de "Sagrado" á causa de estar todo poblado de Monasterios, Santuarios, Heremitorios y Hermitas solas, que havitaban algunos retirados siervos de Dios... Pombeyro, Lointra, S. Esteban, Santa Christina, S. Adrian, Misarelas, Christosende, S. Payo de Abeleda - Abbadia antigua que confirman lo dixho. El celebre Monte Atos de Grecia, por estar poblado de monasterios, se llama oy el "Monte santo". La montaña de Monserrate, por el monasterio y por estar poblada de hermitas, se honra con el nombre de "Sagrada Montaña". Lo mismo digo de la Camandula etc.* E noutra parte do mesmo ms. escribe que, cando pasou por alí en novembro de 1755, *desde "A Pedra do Sol" vi un grande trecho de el Sil que acaso será lo que los antiguos llamaron "Ribera sagrada"*. En consecuencia parece entenderse que para Sarmiento *Sacardebois* é un topónimo que no seu tempo [1758] é só unha parroquia (S. Martín de Sacardebois) pero que na Idade Media tivera unha extensión moi superior e abarcaba toda a Ribeira Sacra.

[31] Sarmiento, por unha vez e sen base documental, imaxina unha complexa enxeñería lingüística: "*Riboyra Sacrata* (texto original), *Sacrata Riboyra* (que es lo mismo), *Sacra Riboira* (que es compendio), *Sacar Riboira* (por trasposición), *Sacar Leboira* (la R en L), *Sacra Devoira* (la L en D)*, Sacar Deboira* (ortografía), *Sacar de Boir* (sincopado), *Sacar de Bois* o *de Boys*" (*Etymologia del nombre del Lugar de S. Martín de Sacar de Bois en el país de Caldelas*) (FMS7). Ver tamén FMS1:1,139. O problema desta teoría é que non se comproba que algunha vez existisen todos eses pasos intermedios que Sarmiento presupón.

[32] Agradecemos a Ramón Lorenzo a lectura anticipada da súa próxima edición: *... locum qui dicitur Rouoyra Sacrata, qui est in Monte de Ramo, territorio Caldelas; termini uero loci illius sunt per Humanum usque ad Colobrinum Maiorem, deinde per / cubitos de Felgoso et per collem qui est inter Felgosum et Humanum, postea per carreyram maiorem que ducit ad Nugariam et clauditur per Humanum*.

[33] Vidán Torreira, outro estudoso da toponimia galega, xa lera en 1987 *roboira sacrata* e xa o interpretara como "carballeira sagrada" (MVT). Este documento de 1124 ten outro posterior de confirmación (de 1228) no que se le dúas veces *Rouoyra* e unha vez *Reuoyra,* cousa que insiste no concepto de carballeira: lémbrese a alternancia *Robledo, Roblido / Reboredo, Reborido.* E, aínda así, no mellor dos casos, esta etimoloxía explicaría a *Ribeira Sacra* pero non *Sacar de bois*.

Caxide. Ben, pois o documento que nos sinala Rivas Quintas [34] é o testamento de Aldora Fernández no que, entre outras cousas, di en latín que lega ós frades de San Lourenzo *canto ela tiña en Vilariño Frío e canto lle portiña da igrexa para que tivesen vestido e alimentado un pobre un ano enteiro; e ó mosteiro de Santa Cristina* [déixalle] *un casal en Sicario de Bobus [35] que está peñorado; e á súa neta F. Mendez, un casal en Sistín* etc. [36] Ora ben todos estes lugares teñen que ser Vilariño Frío (Montederramo), Sistín (A Teixeira) e Santa Cristina (Caxide, Parada de Sil), é dicir, lugares que en liña recta non chegan a distar 15 km uns dos outros: polo tanto, ese *Sicario de Bobus* é probablemente o *Sacardebois* do mesmo concello de Parada de Sil: en latín *de bobus* significa "de bois" [37].

E a esta proba documental de Rivas Quintas, nós aínda lle podemos engadir outro documento case contemporáneo do anterior (1238) que o cita como *villa de Seker de Bobus* [38].

Para nós o camiño de retroceso na procura da orixe de *Sacardebois* pasa polas agullas de *Sicario de bobus* e *Seker de bobus* que aparecen nos documentos.

Polo de pronto, como dixemos, *de bobus* en latín significa "de bois" [39] e o esencial está claro: fálase de bois. Pero o *Sicariu* ou *Sequer* ten problemas.

Primeiro, ¿como se chega de *Sicariu* a *Sacar* se a terminación latina *-ariu* normalmente evolúe a *–eiro* (*altariu* > *outeiro*)? A resposta é que hai algunha excepción a esa regra: *Altariu* dá ordinariamente *Outeiro* pero algunha vez deu *Outar* [40] e posiblemente este *Sicariu* > *Sequer / Sacar* sexa a outra excepción.

O segundo problema é o concepto de *sicarius*. En latín clásico había *sicarius* e *siccarius* (un realizaba a acción de cortar ("sicario, asasino"); e o outro, a de secar). De entrar na toponimia, un debería dar en romance **segueiro* (cambiando *c* > *g*) e o outro simplificaría a consoante dobre (*siccariu* > **sicar*)[41]. Parece que temos que pensar neste segundo concepto.

Pero ¿que é o que "se seca"? Du Cange ofrece documentos desta época (1279) nos que se falan de *sicaria piscium, ... congrorum, merluciorum,* é dicir "secadeiros de peixes... de congros e de pescadas": eran as conservas da época. Así que este sequeiro de bois podería ser un lugar onde se secaban castañas e por alí andaban tamén os bois ou ben onde se secaba, para conserva, a carne de bovino, é dicir, onde se preparaba a chacina que hoxe é típica da comarca non lonxana do Bierzo [42]. Pero, aínda que no XVI, Filipe II ordenou a entrega de 5.000 quintais de chacina na Coruña, para abastece-la Armada Invencible, o que cumpriu co sacrificio de 1.100 bois galegos [43] e aínda que o propio Sarmiento, falando do gando vacún, testemuña que Galicia exportaba no seu tempo *carnes frescas, saladas o en cecina [44]*, nós non podemos asegurar que existise esa actividade en Sacardebois, así que temos que lembrar que no galego actual un *sequeiro* pode ser: 1. un souto de castañas co seu caseto para gardalas e secalas (acepción típica desta zona); 2. un hórreo; 3. un terreo sen auga, seco; 4. o recanto onda o forno para que a leña seque; e 5. e o lugar onde se afuman e curan os chourizos. Véxase 6.6.4.

---

34 En carta que nos escribiu do 6.4.1990.

35 Algúns len *Bobas*.

36 *quantum ipsa habebat in Villarino Frigido et quantum eam de ecclesia contingebat, et tenerint pauperem unum ad sufficientem victum et vestitum uno anno. monasterio Sancte Christine I casale in Sicario de Bobus et est de pignore. nepoti sua F. Menendi I casale in Sistin* etc. (http://corpus.cirp.es/codolga/index.html [8.01.2009]).

37 A uns 25 km está hoxe o encoro de Sequeiros.

38 *damus unum casalem nostrum quod est in villa de Seker de Bobus* (CODOLGA).

39 Ben mirado, "de bois" é máis unha tradución ca unha evolución de *de bobus*. Con toda probabilidade, cando se redactaron eses documentos, a xente xa dicía *de bois* e o notario, que redacta en latín o documento de xente que fala romance, traduciuno ó latín (*de bobus*).

40 Así nos explica Gonzalo Navaza en comunicación recente a etimoloxía de Outar de Pregos.

41 Aínda que non lle podemos pedir ó latín dos testamentos do século XII moita precisión ortográfica nin gramatical, no primeiro caso o *Sicariu de bobus* podería ser un lugar onde vivía un cortador (carniceiro, buxeu) ou onde había un matadoiro. En latín tamén había un *saccarius* "estibador, persoa que transportaba ó lombo cargas en sacos" pero o texto medieval non di *sacarius*.

42 ERQ1 di que por terras de Caldelas un sequeiro é un souto de castañas coa súa caseta para gardalas e secalas, aínda que en zonas algo distantes (Os Oscos ou A Limia) poida ser un terreo seco (ERQ3). É certo que *seco* tamén designa a "palla, herba seca, etc. que se lle dá ó gando na corte, en contraposición á herba verde que pacen directamente"; pero parécenos pouco verosímil para explicar este topónimo.

43 GEG2: s. v. *gandería*.

44 *Me he detenido en el ganado vacuno porque es el que sirve de fundamento para el tal cual comercio que hay en Galicia, dentro del reino, con Castilla y con las naves que aportan a sus costas pidiendo carnes frescas, saladas o en cecina, y que pagan más que medianamente* (FMS6:14,9v,1531).

Desas acepcións quizais algunha fose coherente cos bois pero non podemos asegurar cal é a que explica definitivamente o topónimo, que segue gardando o seu segredo. A ciencia avanza por acumulación de coñecementos, que permiten descartar opinións anteriores, que xa se revelaron falsas, e formular hipóteses novas e máis verosímiles. Vexa o lector con que tino hai que andar para delimita-la toponimia gandeira de Galicia.

15.1.5. Unha etimoloxía prerromana debe se-lo recurso para cando a etimoloxía xermánica ou latina están claramente descartadas

Como se ve, mentres algúns ven na toponimia bois que non existen, outros estudosos néganlle a certos topónimos a condición de topónimos gandeiros e, para iso, botan man de raíces prerromanas de perfiles difusos [45]. É frecuente ler (FCQ:73) que o elemento *boi* na toponimia significa "penedo", tendo en conta que son enormes laxes certas puntas, cons e illotes en diferentes puntos da costa galega (*Boi, O Boi, Os Bois, O Corno do Boi, Boi Grande e Boi Pequeno, Boidecanto* e *Boicornello*). Curiosamente ese *boi* combina con outros elementos presuntamente prerromanos que para eles tamén significarían "pedra" (referímonos a *morto* en *Boimorto* [46]). Pero isto non só multiplica sospeitosamente as tautoloxías senón que fai aparecer significados díficiles de comprender para hidrónimos coma *Matabois* (ver 15.2.2.).

Tamén verbo de *Touro* hai discusión, como habemos de ver en 15.2.13.

Por iso queremos dicir unhas palabras ó caso.

Primeira, a nosa lingua deriva do latín e na onomástica ten tamén un forte compoñente xermánico [47], así que neses dous bloques - latino e xermánico - deben caber naturalmente a maior parte dos nosos topónimos explicables. E deben caber, ben porque naceron como palabras latinas ou xermánicas, ben porque os falantes os adaptaron á gramática galega e, nela, entendéronos e enténdenos como topónimos bovinos.

Segunda, é certo que a rica toponimia galega ten non poucos topónimos para os que non hai explicación nin xermánica nin latina e, en cambio, os especialistas empezan a albiscar conexións coa toponimia europea prerromana. Pero aí cómpre ser moi cautos nas afirmacións, porque da lingua ou linguas que se falaban na Gallaecia antes de chegaren os romanos practicamente non temos textos directos escritos e, en consecuencia, o que se sabe delas é escaso e fragmentario e os verdadeiros especialistas son moi poucos e moi cautos. Hoxe admítese que as conexións coa onomástica extrapeninsular céltica son seguras pero que noutro tipo de conexións todo é moi fantasioso e arriscado. Quizais isto explique o feito de que case tódolos topónimos presuntamente explicados por esa vía significan ou "monte" ou "val" ou "fonte-río-poza" ou "pedra", coma se os primitivos poboadores deste territorio só manexasen eses catro conceptos para toda a toponimia que nos deixaron, porque, de facer caso a esas propostas, non só parecería que non chegaron a coñece-la gandería senón que en dous simples topónimos coma *Boimorto* e *Escornabois* xa estaría o concepto "pedra" repetido catro veces. E, se, como din outros, o lexema *boi* significar "monte", non se entendería como *Porto de Bois* está en boa parte no paso dun río no fondo dun val [48] nin como temos prados fondos chamados *Porto dos Bois,* nin, sobre todo, como pode existir ó mesmo tempo un *Val de Boi* (A Bola) e *Val do Boi* (Lalín) que non se referirían ó animal, pero que é paralelo de *Val das Eguas* en Vidal (Trabada); de *Val da Vaca*, *Val das Vacas* e *Val dos Bezerros* (en Portugal) e de *Valdebueyes* (Oviedo), *Valdevacas* (Segovia), *Valdelasabejas* (Oviedo), *Valdecolmenas* (Cuenca), *Valdecabras* e *Valdecabrillas* (Cuenca), *Valdecigüeñas* (Badajoz), *Valdeconejos* (Teruel), *Valdeperdices* (Zamora), dos que é imposible afirmar que non se refiren ós animais que conteñen.

---

[45] Nunha certa conferencia universitaria oímos afirmar que o topónimo *boi* significaba "monte", co que *Monte do boi* ou *Alto do boi* poderían ser dúas palabras de idéntico significado, é dicir, unha tautoloxía semellante á que hai en *río Guadiana* ou *Puente de Alcántara.* É frecuente que un invasor, que non coñece unha palabra común dos invadidos, tome esa palabra por un nome propio. Dise que *anas* significaba "río" nunha lingua prerromana, e os romanos falan do *flumen Anas*; os árabes falan do *guadi Ana* porque *guadi* significa "río" en árabe; e nós falamos do *río Guadiana,* co que repetímo-lo mesmo concepto en tres linguas historicamente sucesivas. *Al kantara* significa "a ponte" en árabe, co que, cando dicimos *a ponte de Alcántara,* estamos tamén repetindo o concepto. Dese mesmo xeito *Catabois* sería idéntico a *Miramontes*; e *Boi Salgueira* equivalente a *Montesalgueiro.*

[46] *Boimorto* viría dunha posible base **boi* "pedra" e *morto* do preindoeuropeo **mor*, que tamén significaría "pedra". Cabeza Quiles, tamén menciona un documento de 1292 no que se fala dun lugar *que chaman a Penna do Boy morto.* Engade que *Así, nun texto do ano 994, referido ó Boimorto da provincia da Coruña, lemos: ... ubi dicunt Boue mortuo. Este documento transcribe, segundo pensamos, unha falsa latinización, que demostra que na época da súa redacción o topónimo Boimorto tería unha forma igual ou moi parecida á actual, pois o amanuense medieval, asociando Boimorto a un boi de carne e óso, representaríao coa forma falsa Bove mortuo.*

[47] Recentemente empézase a estuda-lo pouco que hai de toponimia árabe.

[48] Xa Sarmiento sinalara que moitos *Portos* da toponimia galega designan pasos de ríos, non portos de montaña (*Viaje 1745*:113). En Mato (Palas de Rei) mesmo hai estes dous microtopónimos: *Porto de Bois de Baixo* e *Porto de Bois de Riba.*

Terceiro, do período latino, xermánico e romance da nosa historia hai documentación suficiente e as opinións poden ser máis contrastadas e fiables. Pero, aínda así, é curioso que cando se estuda a fondo un topónimo, máis dúbidas hai, mesmo se está documentada a forma intermedia medieval (*Busto, Sacardebois, Touro*). Se por veces se dubida de que a forma latina plasmada nun documento medieval sexa a auténtica, e non unha latinización-adaptación dun topónimo que soaba algo parecido pero incomprensible, con moita máis cautela deberán tomarse as presuntas conexións con topónimos prerromanos doutras linguas europeas: se se dubida de que o *Scorna boves* medieval significase o mesmo que entendemos no *Escornabois* actual, menos seguranza habería no presunto parentesco dos nosos *Corno* e *Corna* co *Cornwall* británico, porque aquí estariamos falando de mil anos máis atrás e sen documento escrito ningún.

Carlos Búa, un dos que mellor coñecen os escasos elementos que quedan das falas prerromanas da antiga Gallaecia, advírtenos en resposta a unha consulta específica nosa [49] de que *calquera posible interpretación por vía románica é sempre preferible a unha fantástica etimoloxía indoeuropea ou non digamos preindoeuropea. Estamos obrigados a tratar de atopar unha ou varias posibles interpretacións románicas, debendo queda-lo prerromano como recurso ultimísimo e en principio indesexado.*

Estes son os nosos criterios para repasármo-la toponimia bovina de Galicia. Prescindimos, polo tanto, daqueles que claramente nada teñen que ver co gando, coma *Boimente* [50], *Boimil* e *Boimir* e similares, como xa vimos en 15.1.2. Pero tamén preferimos ser cautos na cuestións que tocan as linguas prerromanas, pola razón elemental de que non somos especialistas nelas para validar ou impugnar opinións alleas.

15.1.6. A construción de casas e aldeas desmotiva parcialmente os topónimos

Queremos explicitar unha última cautela que, non por evidente, deixa de ser necesaria. Imos comentar topónimos maiores (núcleos de poboación) e tamén uns poucos, moi poucos, topónimos menores (nomes de paraxes e outros accidentes xeográficos). Cando un terreo se chama *Prado* e hoxe segue sendo un prado (microtopónimo), a toponimia segue estando motivada e o feito de que dende hai séculos o home non alterase o lugar nin a actividade que nel realiza axuda a entende-lo topónimo. Se cadra, aínda se podería dici-lo mesmo cando o lugar se chama *Vilar de vacas* ou *A Corte do Mato* (que xa explicitan construcións) ou cando se denomina *O Campo da Feira* ou similares.

Pero cando unha aldea ou vila (macrotopónimo) se chama *Prado* ou *Busto* ou *Outeiro de Bois* ou *Vesada,* quere dicir que houbo un momento no que o home alterou ese espazo construíndo nel a súa vivenda e a súa aldea e que a casa e a aldea foron estendendo as súas palleiras, os seus resíos e as súas hortas, aínda que se conservou o nome que o lugar tiña de antes. Rivas Quintas recolle así a que poderiamos chamar partida de nacemento de *Busteliño*, cando en 1219 o que non era máis que monte de pastos, un busto, pasa a ser un lugar habitado co nome de Bustelo:

> *Eu, Diego, abade de Santo Estevo, e todo o convento, dámosche a ti, Xoán Rodriguez e ó teu irmán Lorenzo Rodríguez e a Fernando Vásquez o monte que se chama bustelo, segundo divide pola auga que vén de Laxioso e despois polo valado conforme vai ás Antas de Bovadela, todo o que hai na dereitura de Bustelo (hoxe, As Antas, sonada polas pedras miliarias, á beira dos Pedrós)*[51].

Este cambio do escenario desmotiva o topónimo, porque, ademais, en certos casos, o home fixo desaparecer grandes penedos que no seu momento e pola súa feitura puideron evoca-la figura dun animal.

Todo isto implica que o topónimo garda memoria da época en que a motivación era transparente para os habitantes dese lugar pero para nós hoxe en moitos casos está desmotivado: xa o gando non pace alí, xa non están os penedos que parecían bois, ou mesmo xa nin gando hai no lugar. O mesmo pasa con fitotopónimos como *Alvedro, Carballeira* ou *Biduído* en lugares nos que xa non hai memoria nin de érbedos nin de carballos ou bidueiros. Os topónimos ofrecen datos non da época actual senón de mil ou máis anos atrás, cando a nosa lingua estaba aínda en estado embrionario.

---

[49] Mensaxe do 17.02.2006.

[50] O caso de Boimente trátao JMPiel2 (134-135).

[51] *Ego Didacus, abbas Sancti Stephani, et omnis conventus, damus tibi Iohannes Roderici et fratri tuo Laurencio Roderici et Fernando Velasci, montem qui vocatur Bustelu, sicut dividit per aque que venit de Lagenoso et deinde per valatum sicut vadit at Amtas de Buvadela quantum est directura de Bustelu* (Lim6:342).

15.2. Topónimos que fan referencia ó gando vacún ou que son probablemente gandeiros

Tras estas precisións, imos empezar polo topónimo que consideramos máis importante e despois seguiremos por algúns grupos temáticos, deixando para o final os topónimos que descartamos porque parecen máis claros pero menos fiables.

15.2.1. *Becerro* e *becerra,* palabras que naceron na Gallaecia

Becerreá. Lugar, parroquia e concello da provincia de Lugo. O lugar que nos deu unha das máis antigas e marabillosas representacións galegas da familia bovina, dános tamén posiblemente o máis xenuíno nome galego do noso gando, o *becerro* e a *becerra*. Porque *Becerreá* (e tamén o *Bicerreán* de Malpica) ten que vir de *(vila) *Becerreana*, é dicir, "vila propiedade dun tal Becerrius". Este **Becerrius* é un nome de home ó que lle antepoñemos de momento un asterisco porque só está documentado indirectamente nestes topónimos; pero este **Becerrius*, á súa vez, tivo que existir como derivado do nome común *becerrus / becerra* para referirse á cría da vaca, da mesma maneira que os nomes de persoa *Vitellius, Taurius* e *Bovius* naceron dos substantivos comúns *vitella, taurus, bovis.*

A palabra *becerra* xa aparece como *bezerra* nun documento latino de Braga do ano 999 [52]; *bezerrus* aparece en Galicia noutro de 1192 de Sobrado [53] e o topónimo *Bezerrile* noutro de Lugo de 1120 [54]. Como temos *becerrus* pero aínda non documentamos **Becerrius*, a este témoslle que antepoñe-lo asterisco que indica suposición.

O prof. alemán Joseph M. Piel sostén que a palabra base (*becerra*) ten que ser unha palabra galaica prerromana, sendo inútil buscar allures etimoloxías fantásticas [55] que carecen da solidez que á orixe galega lles dá a evidencia toponímica [56]: etimoloxías fantásticas que hoxe repiten diversos dicionarios, mesmo algúns galegos. Engade que a becerra é *o peculio mais precioso do criador de gado e o que mais cuidados requeria afim de garantir o futuro económico* (JMPiel1:415). Tamén *bácoro* é prerromano pero, mentres este non pasou as fronteiras de Galicia e Portugal, *becerro* e *becerra* estendéronse por toda a península. E deberon de estenderse cedo, porque, segundo o Corpus Diacrónico del Español da RAE aparece en 1200 (*bezerro*), 1220 (*bezerra*) e 1319 (*becerro*).

Unha razón complementaria que apoia a suposición de que o nome *Becerrius* debeu de existir, é que *Becerra* existiu e existe como apelido dende a Idade media: *Didacus Bezerra* (xa en 1154) e na actualidade (censo do 2001) levan este apelido *Becerra* 2.888 persoas que se concentran maiormente en dúas zonas, unha compacta e coruñesa que vai da península do Barbanza á toda a costa bergantiñana (de Malpica a Ares), e outra luguesa menos compacta; a máxima densidade deste apelido está nos concellos coruñeses de Tordoia (1,7%) e Cerceda (1,3%) e en tódolos que os rodean pero tamén no concello lugués de Baralla (0,8%) (e os que o rodean, maiormente Becerreá e As Nogais) [57].

Pola contra só 29 persoas levan o apelido *Becerro* e están dispersas por toda Galicia pero case sen presenza na zona luguesa. O apelido *Becerril*, en cambio só o portan 19 persoas e é netamente urbano (A Coruña, Ourense, Vigo, Pontevedra, Vilagarcía e Sanxenxo). Pero lémbrese que o toponimo

---

52 "... polo que recibimos de vós o prezo de tres lenzos, un porco de oito diñeiros e unha vaca coa súa becerra que nos gustou ben" (*Propter quod accepimus de vobis pretio tres lenzos, uno porco de octo dinarios et una vaca cum sua bezerra que nobis bene conplacuit*).

53 "....dunha porca boa e a quinta dun boi bo e un becerro tenreiro e o terzo dunha xuvenca" (*unius porce bone et quintam unius bouis boni et unum bezerrum tenrarium et tercia de una iuuenca*).

54 "dende a porta exterior do castelo da mesma cidade, o interior comunmemnte chamado Becerril, entre as murallas da mesma forticación e a casa dun certo Pedro Díaz" (*ab exteriori porta castelli ejusdem urbis, interius, qui vulgo Bezerrile dicitur, inter menia ejusdem oppidi, & domum cujusdam Petri Didaci*).

55 AMS derívao do vasco *beicecorra* (e cita a Diez) e este do lat. *vaccella* diminutivo de *vacca* (vaca de menos dun ano).

56 Refírese a Corominas que supoñía que a palaba *becerro* debía proceder de *ibice* ("rebeco") + sufixo *–err-*. Di Piel que non ten sentido que un gandeiro, para designar acotío a cría da súa vaca, vaia busca-lo nome nunha especie brava, coma a cabra montés e así se repite hoxe en case tódolos dicionarios. Posteriormente Piel analizou outra hipótese etimolóxica que para *Becerreá* formulara Corominas (*Bergedo-reda-na* "la ciudad camino del Bierzo") pero simplemente para considerala infundada e ratificarse na súa propia (JMPiel3).

57 http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp. Os xenealoxistas din que *Becerra* é antigo e nobre apelido galego oriundo da Fonsagrada, Navia de Suarna e Baleira (LU), que coa Reconquista se estendeu por Estremadura, Andalucía e Portugal. Os *Becerra* de Galicia e León levan no escudo unha becerra *barrosa* atada a unha árbore ou dúas becerras *barrosas*, unha pacendo e outra mirando para a que pace.

Becerril xa se documenta en Lugo en 1120. Lembremos por último que en Becerreá hai unha aldea chamada *Bustelo* [58] que, como veremos, ten que ver co pastoreo.

Non parece, despois de todo isto, disparatado afirmar que se intúe que esta familia de palabras é orixinaria da zona galaica, entendéndoa no seu sentido medieval (*Gallaecia usque Mondecum*).

O escudo do concello de Becerreá organízase así: *De gules, sobre unha terraza de verde, unha becerra de ouro á dereita e unha torre de prata á esquerda, acompañadas dun sol figurado de ouro no cantón destro do xefe. O escudo tímbrase coa corona real cerrada* [59].

Becerro. Nome de dúas puntas situadas unha na costa de Oleiros e outra na de Faro (Viveiro). Na microtoponimia aparecen *O Becerro* (en Berdoias, Vimianzo), *A Punta do Becerro* (en Celeiro, Viveiro), *Aira do Becerro* (Bande), *Cu do Becerro* (en Valadares, Vigo), *O Campo do Becerro* (en Requeixo, Manzaneda), *O Porto do Becerro* (no Pereiro, Alfoz), *Os Agros do Becerro* (en Nebra, Porto do Son), *O Agro dos Becerros* (en Villestro, Santiago). E tamén parece funcionar como adxectivo: *O Coto Becerro* (en Adelán, Alfoz), *A Fonte Becerra* (en Lousame).

Como derivados desta palabra autóctona témo-los seguintes topónimos:

Becerreira. Aldea de Cabral (Vigo). Na forma **A Becerreira**, aldea de Santo Estevo de Budiño (Salceda de Caselas) e de Chenlo (O Porriño). Tamén é monte entre A Pastoriza e Riotorto. Na microtoponimia hai dous casos nos que *A Becerreira* está situado nun alto (en Meilán, Riotorto) e como *As Becerreiras* (en Bangueses, Verea); noutros doce casos son prados, agros e sempre en zonas baixas e cultivadas. Parece significar "sitio onde se crían e gardan becerros".

Becerral. Aldea de Rao (Navia de Suarna). Na microtoponimia son sempre prados ou agros.

O Becerral Mouro. Zona de monte baixo e penedos no Parque Natural do Xurés, na parroquia de Río Caldo, Lobios.

Becerroi. Aldea da parroquia de Cerdido, no concello do mesmo nome. Dos 141 topónimos que rematan en *–oi* (o 80% na Coruña e Lugo), só *Becerroi* e *Gatoi* parecen referirse a animais. Aínda que algúns se explican polo xermánico (*Godoi, Gandoi*, ...) ou o latín (*Filloi, Piñoi,* ...), hai moitos outros de orixe escura.

Campobecerros. Lugar e parroquia do concello de Castrelo do Val. No Madoz aparece como *Campo de Becerros*.

En Portugal tamén se rexistran os topónimos *Bezerra*, *Bezerras*, *Bezerrim*, *Bezerrins*, *Bezerro*, *Bezerral* e *Bezerreira* (DMA:73 e 78).

Como dixemos, este grupo de topónimos non ten base xermánica nin latina e, por parte, parece autóctono. Non podemos precisar máis pero é importante.

15.2.2. A vaca e mailo boi como denominadores de certos lugares

A vaca e mailo boi son os animais domésticos de Galicia que dan maior sensación de volume: o cabalo e a mula son máis altos pero son máis esveltos. Por esa razón moitas cousas voluminosas e pesadas compáranse cun boi ou cunha vaca (*gordo coma un boi, gorda coma unha vaca; ter cintura de boi, comer ~ beber coma un boi; lixeiro coma un paxaro chamado boi*).

O boi é máis voluminoso cá vaca. Posiblemente isto explique que se comparen máis co boi que coa vaca certos accidentes do terreo que impresionan polo seu volume (cotos, penedos, outeiros) ou pequenas superficies que emerxen sobre a superficie dos ríos ou do mar (illotes, cabos e similares). Na microtoponimia **O Boi** é un baixío en Baiona, un con en Suevos (Arteixo), un cantil en Doniños (Ferrol). En Baiona tamén hai un baixío que se chama **O Cabezo do Boi.**

Nalgúns casos nestes bois pétreos hai tradición de que está encantado un tesouro que ten feitura de boi de ouro (15.2.12.).

---

[58] Tamén hai outra chamada *Torallo* pero desta diremos máis en diante que non ten que ver co gando.

[59] Decreto 89/1992, de 26 de marzo, polo que se aproba o escudo heráldico do concello de Becerreá (Lugo) (DOG nº 68, de 8 de abril de 1992).

Vaca. Hai diferentes lugares da costa de Galicia que se chaman así. Coma tal un illote na costa coruñesa:

> *"A la punta de San Pedro, de la que a tres cables NS. hay la piedra del Bosteo, sigue la Mixillosa o Arroada, peñascosa y con pedruscos a sus pies, entre los que destacan los islotes de Vaca, que es el más próximo a tierra; de Boy, que está más afuera, y Becerro, el próximo al de Boy"* (UCA3 1936:40).

Hai refráns que Casto Sampedro (CSF:112) e Vázquez Saco (VS:12796) recolleron así: *Berra a vaca, hai maraxe*; e Clodio González Pérez recolleu *Berra a vaca, maraxe saca* (CGP1: 79). É sabido que os animais anuncian co seu comportamento os cambios meteorolóxicos [60] pero este refrán ten moitos paralelos que se refiren ó barullo especial que fan o vento e o mar nalgúns lugares da costa cando vai muda-lo tempo: *Brúa Alba, tempo en calma* (PdM:7) (ZM:47) [61]; *Brúa Valcovo* [62]*, tempo revolto* (PdM:7) [63], *Brúa Callobo, tempo revolto* (ZM:47) [64]; *Brúa Gandarío, panos ao río* (PdM:7) (ZM:47) [65]. E hai máis: *Berra Amián..., Berra a Arnela..., Berra a Langosteira..., Berra o Paio..., Berra Rostro...* Temos que engadir que hai areais que se chaman *da Vaca* ou *das Vacas* (Arteixo e Cabana de Bergantiños). Por iso coidamos que esa vaca podería ser tamén un lugar, algún dos diversos microtopónimos *Vaca* que hai na costa, tanto no caso anterior coma nos seguintes: *Cando berra a Vaca, vén / hai marexada*; *A Vaca a bruar, maresío quer entrar*. Tampouco podemos esquecer que tamén se lle chama *A Vaca* á bucina dalgúns faros [66], axuda á navegación anterior ó radar e ós satélites. En Portugal tamén se rexistran os topónimos *Vaca*, *Vaquinha* e *Vaquinhas* (DMA:76).

Vacaferreira. Aldea de Santiago de Baroncelle (Abadín).

A Vacaloura. Sistema montañoso entre os concellos lucenses de Monterroso, Portomarín e Taboada. Tamén é nome dun lugar de San Miguel de Penas, en Monterroso. Na grafía actual aglutinada parece referirse ó insecto dese nome (*Lucanus cervus*) pero tampouco se pode excluír que na súa orixe se referise a unha *vaca loura* e, nese caso, o significado deste topónimo sería paralelo ó de *Boilouro* e de *Boi Pardo*.

A Mexada da Vaca. Con en Vilaselán (Ribadeo) (VFA). O noso informante recolleu a explicación de que o nome se debe a que, cando a auga sobresae ese con pola forza da marea, o seu caer polo con abaixo semella a mexada dunha vaca.

Os Mallados da Vaca. Cons situados no medio do mar, en Arteixo, na mesma liña có Pego e as Figueiroas. Están fronte ó Rañal (VFA).

Boi. Nome dunha punta rochosa da parroquia de Santa Cristina da Ramallosa, en Baiona. Véxase o que diremos en 15.2.6 falando de *Monte de Boi*, na mesma localidade. Tamén designa outras dúas puntas nas aldeas de Seara e Seixas, de Malpica de Bergantiños. **Bois** é o nome dun monte de 1.641 m no concello de Cervantes e dunha punta na illa de Sálvora (Ribeira).

O Boi. Nome dunha punta na parroquia de Xaviña (Camariñas) e nome dunha pedra ó pé do Monte de Antas, preto do Porto, en Suevos (Arteixo); dun cantil en Doniños (Ferrol) e dun baixío en Baiona (VFA). Como **Os Bois** temos unha punta en Cariño (Cariño), uns cons en Foz (Foz) e un coído en Pinténs (O Hío, Cangas) (VFA), así como uns baixos mariños en Xaviña (Camariñas) e uns lombos marisqueiros na costa de Vilanova de Arousa, ó sur da ponte de acceso á Illa de Arousa.

Boi de Cantos. Punta costeira da parroquia de Dorneda (Oleiros) [67].

O Boi Grande. Illote fronte á punta do Orzán, na Coruña. Tamén existe o illote **O Boi Pequeno**.

---

[60] En Trasar de Carballo (Carballedo) dinnos que, cando as vacas *esborrecan* e andan algo alteradas, maiormente se é inverno, dise que *ventan a neve*. Tamén se usa cando por outras razóns andan alteradas e díselles *¡seica ventas a neve!* Por certo, cando vai nevar, vense inquietas e tratan de recollerse e volven para a corte se andan fóra; e, se non poden regresar á corte, cando vén un torbón de neve ou sarabia, meten a cabeza ó abrigo do que atopen (valados ou árbores) (Carte5). *Cando os bois espirran, o tempo revira* (recollido en Sarandóns, Abegondo). *Cando o boi moito lle dá ó rabo, brétema temos ó cabo* (este recollido na Capela). Outros animais tamén ofrecen indicios: *Cando espurriña o carneiro, revira o tempo.*

[61] No texto: *alba* (ZM).

[62] No texto: *Balcobo*.

[63] O colector anota: "Alba e Balcobo son dous prayazos no término municipal d'Arteixo".

[64] No texto: *callobo* (ZM).

[65] No texto: *gandario* (sic) (ZM). "Gandarío é unha praya situada entre Sada e Muruxo".

[66] O faro de Fisterra, construído no 1853, ten unha luz que, situada a 143 metros sobre o nivel del mar, acada as 30 millas naúticas; aínda así, en 1870 foi a pique en Fisterra o Monitor Captain con 482 persoas a bordo: as brétemas constantes do inverno facían inútil este faro. As autoridades en 1888 complementaron este faro cunha bucina para aviso de navegantes. Esa bucina semella unha vaca a bruar e a xente chámalle dende aquela *A Vaca de Fisterra.*

[67] Segundo Cabeza Quiles, é outra posible tautoloxía a base dos compoñentes **boi* e o preindoeuropeo **cant*, tamén "rocha", "pedra".

O Boi Pequeno. Farallón rochoso ó sueste do illote do Boi Grande.

Os Bois de Gures. Ver na epígrafe 15.2.12.

Boicornello. Lugar da parroquia de San Pedro do Val de Xestoso (Monfero). AMS supono derivado do latín *bos corniculus* que interpreta, con interrogantes, como "boi de cornos curtos"; nós sabemos que *cornello* é todo bovino que chama a atención polos seus cornos, ben porque veñen cara adiante (*cornella* 1), ben porque son espectacularmente altos (*cornella* 2), ben porque caen cara abaixo (*cornella* 3) [68].

Boilouro. Aldea da parroquia de Bandoxa (Oza dos Ríos). Tamén é río no mesmo concello, afluente do río Mero. O significado deste topónimo é paralelo ó de *Vaca Loura.* Ver máis en diante **Pena do Boi Louro** (15.2.12.).

Boipardo. Lugar de Fisteus (Curtis). Como **Boi Pardo**, lugar de Quindimil (Palas de Rei).

Boimorto. Concello da provincia da Coruña, parroquia do mesmo concello (Santiago de Boimorto) e lugar e parroquia (Santa Baia de Boimorto) de Vilamarín en Ourense. Xa comentado en 15.1.3.

Mámoa do boi morto. Monte de 681 m de altitude en Fraiz, Olives, A Estrada.

Matabois. Regueiro afluente do Xarés en Ourense, equivalente doutros topónimos coma *Matacabalos* e *Matalobos*. Tamén é microtopónimo que designa un bosque autóctono en Mosexos, Santa María de Pinza (Viana do Bolo). **O Campo de Matabois** é outro microtototopónimo (esta vez en Campo Lameiro) que se estende no coto rochoso á altura do quilómetro 7,900 da estrada. Nel hai 21 pedras gravadas con espadas, cervos, improntas de cervos, fosas, círculos etc. Posiblemente o regueiro e mailo conxunto rochoso sexan lugares nos que caeron e morreron un ou varios bois. Véxase o dito en Boimorto (15.1.3.).

A Pedra do Boi. Nun monte na costa en Oseiro (Arteixo) (VFA).

A Pena do Boi. Cantil en Régoa (Cedeira) (VFA). Dous documentos latinos de Meira (un de 1125 e outro de 1232) xa falan dunha *Pena de Boy* [69].

O Paso do Boi. Con que marca un paso entre illas, en Covas (Ferrol) (VFA). Cede2 ofrécenos máis detalles. É un paso estreito en forma de fouciño para ir do Coto de Pantín, polo lado de fóra, ata a Punta da Chirlateira; este paso é camiño de percebeiros para iren á Pedra da Prata; pero na Chirlateira hai boa herba e a tradición di que un boi se meteu por alí e, cando quixo volver, non deu pasado e caeu ó mar.

Ver tamén *Xuvencos* na epígrafe de topónimos con crenzas (15.2.12).

15.2.3. Partes do corpo dos bovinos como referencia toponímica

Cabeza de Boi, Cabeza de Vaca, A Cabeza da Vaca [70] fan referencia directa ou metafórica, actual ou histórica, a algún accidente do terreo que a evoca ou ben a algún sucedido antigo que ten que ver co gando, do mesmo xeito que *Cabeza de Lobo,* en Ardemil (Ordes), debe de facer referencia a algún lobo. Pero non podemos esquecer que existen outras *cabezas* que non fan referencia a animal ningún: *Cabeza dos Fornos* (no Aparral, As Pontes de García Rodríguez) e *Cabeza de Manzaneda* e isto fai verosímil que *cabeza* sexa metáfora de parte máis elevada dun terreo.

O Cabezo do Boi. Baixío en Baiona (VFA).

Pé de Boi. Rueiro de Viveiro (Lugo), por riba da vila, moi pendente, pasado o camposanto da Altamira na subida ó monte do San Roque: nos campos instalábanse as casetas, para merendar no verán, mirando cara á praia. Pero *Pé de boi* foi tamén antigamente sobrenome de persoa: hai un documento de Ourense de 1238 no que fala un Xoán Paz de Santiago, chamado 'Pe de boi' (*ego Iohannes Pelagii de Sancto Iacobo dictus* ***Pedeboy,*** e once anos máis tarde (1249) figura un outro "Domingo Paz, chamado *Pe de boi*" *(Dominici Pelagii dicti Pes bouis*). FMS no seu tempo citou un xa desaparecido *Pejada da Vaca* e explica que se trata da *pisada*.

A Pena da Vaca. Penedo que ten a feitura do lombo dunha vaca e que está en Pantín, na foz do Río das Bestas, dentro da ría de Cedeira (Cede2).

---

[68] Cabeza Quiles prefire ver aquí elementos prerromanos, sendo para el unha tautoloxía derivada de dous elementos cun mesmo significado: **boi* e **corn*, "pedra".

[69] "Marco da división de Baamonde e ó marco de Pena de Boi; e dende alí ó marco da Enfesta de Maciñeira" (*marcum diuisionis de Baamundy et ad marcum de* ***Penna de Boy****, et inde ad marcum infeste de Maçineyra*).

[70] *Cabeza de Boi* é lugar da parroquia da Armenteira (Meis); *A Cabeza da Vaca* do Freixo (As Pontes de García Rodríguez); e *Cabeza de Vaca* en Narla (Friol), en Piñor (Barbadás) e parroquia en Ourense.

15.2.3.1. Os cornos como referencia toponímica

Imos repasar agora algúns nomes de lugar nos que algún accidente do terreo evoca un corno. Naturalmente, ese corno non ten que ser necesariamente o dun boi ou dunha vaca: pode se-lo dunha cabra ou dun carneiro. Consideraremos, logo, como posiblemente e parcialmente bovinos os topónimos que non fagan explícita referencia ó boi.

É importante advertir que a imaxe do corno non se concibe só como necesariamente vertical: na microtoponimia dáselle tamén nome de *Corno* a unha veiga, prado ou calquera outra parcela cando os seus lindeiros debuxan no chan a figura dun corno.

Nin sempre o corno toponímico evoca a figura física dun corno: pode haber outra motivación. Coñecemos un *Outeiro do Corno* en Luou (Teo) que é un lugar alto ó que subía alguén a tocar un corno cando pasaba algo que esixía a reunión urxente dos veciños; e ese algo podía se-lo extravío dunha res, unha petición de axuda ou o anuncio dun casamento para o día seguinte. Véxase a voz *cornetada* (13.1.; 13781) e ser coma o *Outeiro de Corno* en 13.1.; 14324.

Corno. A lista de topónimos que parecen derivar do latín *cornu* ("corno"), e así o senten espontaneamente os habitantes deses lugares, é longa: *Corno, Cornos, Corno do Boi, Corno Chao, Corno de Freixo, Corno de Labraedo, Corno de Insua, Corno do Val, Corna*, *Corniña, Cornas, Corneira* etc. e algúns mesmo pensan en *Cornado*, *Cornide, Cornido* e outros [71]. Pero non todos estes teñen que ver cos cornos. Teremos que ir por partes. Para os topónimos deste grupo hai tres posibles orixes latinas: unha, *cornu* ("o corno"), outra *cornus,* de xénero feminino ("cerdeira brava": *Cornus sanguinea* [72]) e outra, *corona(tu)*. A primeira referiríase a que no lugar hai ou houbo algo que evocaría a feitura dun corno (e iso parece verosímil en *Corno do Boi*) ou a que vén suxerido polo perfil orográfico do lugar: lémbrese que os romanos chamábanlles "cornos do monte" (*cornua montis*) ós picos dos montes. A segunda explicaría *Cornido* e *Cornide,* que significaría "lugar onde abunda a *Cornus sanguinea* máis coñecida como *sanguiño, sangriño* ou *sangomiño*": naturalmente neste caso non sería un topónimo bovino. A terceira explicaría *Cornado* (e, se cadra, algúns outros) que nos documentos medievais aparecen primeiro como *Coronatus* e despois xa como *Cornatus* e, se cadra, tamén *Cornatel* [73]: tampouco este sería un topónimo bovino.

Ora ben, diferentes estudosos repararon en que moitos dos topónimos deste grupo corresponden a montes ou aldeas situadas no alto: así *Corno* é nome de dous montes na Pastoriza e Baños de Molgas, dun sistema montañoso en Castroverde, e de dúas puntas na costa (unha en Camariñas e outra en Corcubión). En canto a *Corna*, ERQ1(57) di que en Allariz ós de Requeixo e Valverde chámanlle *os da corna*, coa particularidade de que "*ambos lugares están al pie de montes, muy rocosos*" .

Hai estudosos da toponimia que prefiren ver en todo este grupo raíces prerromanas, propoñendo uns a raíz céltica *kor* "círculo" [74]; e outros, a base **corn* / **carn*, co significado de "pedra, rocha" (FCQ:113-114) que, por exemplo, emparentaría o noso *Carnota* co *Karnag* dos bretóns e co *Cornwall* dos córnicos británicos.

---

[71] *Cornocelo, Cornoces, A Cornoa*, *Cornella, Cornello, Cornes, Cornaces*, *Cornao, Cornazo, Corneantes, Córneas, Corneda, Cornedo, Cornanda*, *Cornixa.*

[72] O sanguiño (*Cornus sanguinea*) é un arbusto que leva ese nome pola cor vermella das súas ramas, flores brancas, froito negro, astrinxente e antipiretico, pólas tenras moi flexibles que se empregan coma o vimbio para facer cestos pero de madeira moi dura e mala de rachar e por iso se usa en tornería para facer mangos de ferramentas e instrumentos; e o arbusto tamén se utiliza para facer sebes. Posiblemente esta dureza da madeira faga referencia, no latín orixinal, á dureza dos cornos pero, en calquera caso, sería unha referencia moi remota.

[73] Falando deste "castillo del Bierzo por la carretera de Orense a Ponferrada", FBB (231) cita e comenta un refrán de H. Núñez (*Quen fez a Lugo, fez a Astorga e Ponte da Cigarrosa e levou hua pedra no capelo con que fez o* ***Cornatelo*****)** e faino con estas palabras: *Hernán Núñez, desconocedor de la geografía gallega, pone este refrán como portugués. Bien es verdad que el refrán parece de gente trahumante, viajera y conocedora de estos lugares antiguos, que reconoce como obra de una mano, aludiendo a los romanos. También pudo nacer de influjo erudito, pero no por estar escrito en gallego ha de ser portugués. Por el contrario, hay un indicio de ser berciano, escrito en gallego dialectal, por tanto. Y es que el maestro Correas, que traduce éste al castellano, trae en su colección otro semejante, que hay que suponer también traducido, que dice: 'Quien hizo a Lugo hizo a Andorra (por Astorga) y hizo el Castrodalventosa'. Este topónimo será Castro da Ventosa, inmediato a Cacabelos, en el Bierzo donde sitúan la antigua 'Bergidum' (vide M. González Moreno: 'Catálogo monumental de España. Provincia de León', 1925, p. 56 y ss.). El puente de la Cigarrosa se encuentra en el valle orensano de Valdeorras, y Cornatel es un castillo del Bierzo por la carretera de Orense a Ponferrada*.

[74] Así, mentres AMS di que *Cornide* deriva do latín *Corniti,* Isidoro Millán González-Pardo sostén que se trata dunha palabra composta de dous elementos orixinariamente célticos *Kor* que sería "círculo" (que el relaciona con *Setecoros*, *Corcubión*, *Coiro* e mesmo *Cospindo*) e *Netos*, nome dunha divindade céltica que Macrobio dicía no sec. V que era o equivalente hispano de Marte, e que daría, logo, o "deus do combate" (con quen relaciona *Cornide*, *Cornido*, *Corneda* e mesmo *Neda*). Neste caso *Cornide* significaría "círculo de Neto". Millán sospeita que se trate de antigos círculos líticos de carácter relixioso astral ou ben que se trate de campos de adestramento militar (IM: 166-174).

¿Cornos ou pedras? Nós pensamos que a raíz latina, co seu significado de "cousa dura" ou "que parece un corno" é a que actúa na mente dos que puxeron nome ó lugar e dos que llo conservan, consonte o que dixemos en 15.1.5.

Corno do Boi non parece ter dúbida. *Corno de Freixo* podería casar, porque o freixo é tamén madeira moi dura. Pero non se explicaría o significado de "corno" aplicado a *Corno Chao, Corno do Val, Corno de Labraedo, A Cornoa,* mentres que todos dan nome a montes.

Por todo o dito, debemos ser cautos á hora de tomar como topónimos bovinos os seguintes: **O Corno** en Lousada (Xermade); **O Corno de Ínsua** en Ínsua (Ortigueira); **Pé do Corniño** en Carreira (Ribeira); **A Corna** en Pousada (Boqueixón), en San Pedro de Eume (As Pontes de García Rodríguez), en Fontecada (Santa Comba), en Buciños (Carballedo) e tamén no concello de Piñor; **Vilar de Corna** en Carres (Cesuras); **A Laxe** / **O Outeiro de Corna Becerra**, uns baixíos diante da praia situada entre a de Pedrullo e a punta do Portiño, onda Porto de Quilmas, parroquia de San Mamede de Carnota (VFA); **Cornas** en Goente e mais en San Pedro de Eume (As Pontes de García Rodríguez) e nas parroquias de Samarugo e de Vilapedre (Vilalba). Do **Outeiro do Corno** en Luou (Teo) xa falamos no inicio desta epígrafe.

Corneira. Aldea e parroquia do concello da Baña e aldea de Lamas (Leiro). Tamén río do concello de Negreira, que desemboca no Nantón. Leiras escribiu a modo de cantiga popular:

Cando no mar me chapuce,
nadando, xunto á Corneira,
que non me falen de nadia,
que a miña groria é aquela. [75]

Pena Corneira. Penedo vertical en forma de gran corno situado nun alto de 667 m en Lamas, Leiro [76]. *Aire corneirao, auga na mao* é refrán recollido en Cenlle onde din que, vindo o aire da Pena Corneira, situada ó oeste, hai choiva segura.

Nesta poesía de Eladio Rodríguez [77] cítase este característico penedo nos límites do Ribeiro:

Tópase o val arrodedo
polos [78] *chaos de Amoeiro,*
polos montes de Avión,
polos xigantes penedos
de Corneira e polo Coto
de Novelle, que en estreito
abrazo parés que tratan
de amparalo e defendelo.

Ponte Corneira. Lugar en San Cristovo de Corneira (A Baña).

A Fraga dos Cornos. No sueste de Ourense chámanlles *fragas* ós penedos. A Fraga dos Cornos é un penedo da Trabe (Vilardevós) que ten a feitura de dous cornos.

Corno de Boi. Lugar de Merlán (Palas de Rei) e de Xiá (Friol). Tamén é serra que, no límite entre a Coruña e Lugo, entra nos concellos de Friol, Palas de Rei e Toques. Nun documento de 1214 xa aparecía como *Cornu de Bove* [79]. De **Punta do Boi**, en Xaviña falaremos en 15.2.5. Ver tamén *Corno do Demo* na epígrafe de topónimos con crenzas (15.2.12).

Escornabois. Lugar e parroquia do concello de Trasmiras. Martín Sarmiento di que deriva de *boves* e AMS traduce *escuernabueyes*. A forma medieval *Scorna Boves* xa a encontramos nun documento de Celanova de 950 (*inter iamdictas Scornaboves et ipsa villa Atanes* [80]) onde se podería entende-lo

---

[75] MLP3:211. Pode ser a praia Borneira -Nois- ou o monte de Corneira (ou Corneria, como figura nas cartas náuticas). Nós tamén supoñemos que é o primeiro caso, porque Leiras ía nos veráns a Cangas de Foz, a dous quilómetros de alí.

[76] *Masa rocosa y granítica que se alza sobre el valle del Avia, separándolo del de Avión y presenta fantásticas formas de gigantescas proporciones y abruptas e inaccesibles crestas, como caprichos de una singular geología. Las rocas de más de 50 metros están trabajadas por la erosión, y el aspecto que ofrecen en su conjunto da la sensación de que obedecen a una estudiada y metódica colocación, creyendo algunos escritores que tales rocas pudieran ser los ídolos o las gastadas efigies de una religión de las muertas paganías* (ERG:pena). ERQ2 (s.v. corneira) comenta: *Pena Corneira: Roca que sobresale en lo alto de un monte (Castrelo de Miño). Aunque me fue así dicho, lo doy como interrogante ya que puede ser influjo y trasposición de 'Pena Corneira' en O Ribeiro*.

[77] ERG2:118.

[78] No texto neste verso e nos seguintes: *pol-os, pol-o.*

[79] *per terminos qui diuidunt terram de Superat*o [Sobrado] *e Dormiana* [Dormeá, Boimorto] *cum terra de Aviancos* [Abeancos, Melide], *et inde uadit per Cornu de boue* [Corno de Boi].

[80] Atanes é o actual Atás no concello estremeiro de Cualedro.

topónimo como un accidente do terreo; pero noutro de 1063, tamén de Celanova, xa di que é unha vila, non un simple accidente do terreo (*in villa de Scornaboves*). Se este topónimo se orixinase por referencia ó insecto (*Lucanus cervus* macho), a motivación bovina sería primitiva: o macho ten uns cornos enormes (dos que carece a femia e que, en realidade, son unhas mandíbulas modificadas) e que evocan os desproprocionados cornos dun boi cacheno: pero fálase de insecto, non de boi. Se, en cambio, ese topónimo se orixinou por referencia a un boi, debeu de ser ou porque un boi escornou (*escornar* significa en primeira acepción "Trucar [unhas vacas a outras ou á xente]") ou porque alí se escornaron bois (*escornar* significa en segunda acepción, "Romperlle un corno [a un animal]": no latín medieval un animal *excorne* é o que está sen cornos [81]). Sexa cal sexa a orixe, non queda máis memoria có nome do lugar.

En Cataluña, preto de Reus hai un mosteiro-castelo de Sant Miquel d'*Escornalbou,* situado nun terreo tan abrupto, que nunha hipotética pelexa entre bois pola xefatura da grea é moi doado que un deles caia e se escorne (ou mesmo morra) [82]. Pero o *Escornabois* galego está nunha zona relativamente plana.

Con todo, ERQ4 ve aquí unha raíz prerromana **korn,* "penedo" que, por certo, está "ben sobranceiro e inxente no medio do lugar" (ERQ4:148); pero deixa sen explicar cal sería a función do elemento *boves* e nós, como dixemos en 15.1.5., reservámo-la explicación prerromana para cando a latina está totalmente descartada.

15.2.4. Lugares onde pacen os bois como referencia toponímica

Os prados ou lameiros son espazos destinados a produciren a herba que se sega para que as vacas a coman noutro lugar (verde ou seca) e ós que, por veces, tamén se levan os animais para que pazan alí directamente a herba fresca. A carón destes espazos o home foi construíndo a súa casa, iniciando así a humanización da paisaxe e a característica dispersión da poboación galega. Como dixemos en 15.1.6., os núcleos de poboación que se denominan con nomes de prados, testemuñan unha actividade gandeira anterior ó nacemento desas aldeas e, polo tanto, son topónimos bovinos indirectos; con todo, o tamaño desas aldeas é ordinariamente tan pequeno que hoxe, máis ca prados situados á beira das aldeas, o que hai son aldeas situadas no medio dos prados. Vexamos esa toponimia.

Prado [83] é parroquia en Friol, en Covelo, en Vilar de Barrio, en Lalín e en Ponteareas; é lugar en Morquintián (Muxía), en Salgueiros (Dumbría), en Xaviña (Camariñas), en Atán (Pantón), en Magazos (Viveiro), en Muras (Muras), nos Remedios (Mondoñedo), en Santa Locaia (Castro de Rei), en Sante (Trabada), en Trasparga (Guitiriz), en Alongos (Toén), en Prado (Vilar de Barrio), en Prado (A Veiga), en Prado de Limia (Muíños), en Prado de Miño (Castrelo de Miño), en Vilar (Crecente), en Morgadáns (Gondomar), en Vide (As Neves), en Priegue (Nigrán), en San Miguel de Castro (A Estrada) e en Valadares (Vigo). **O Prado** designa lugares en Corrubedo (Ribeira), en Cuíña (Ortigueira), en Papucín (Frades), en Vilaquinte (Carballedo), en León (Vilamarín), en Podentes (A Bola), en Sande (Cartelle), en Soutopenedo (San Cibrao das Viñas) e en Xurenzás (Boborás).

Prados, lugares en Paradela (Toques), en San Xiao de Narón (Narón), en Sedes (Narón), en Cereixedo (Cervantes), en Figueiroá (Sober), en Mougán (Guntín) e en Ribela (Coles). **Os Prados** en Campo (Trazo), en Bestar (Cospeito), en Penamaior (Becerreá), en Acevedo do Río (Celanova) e en Vilar de Condes (Carballeda de Avia).

Prado de Cima, lugar en San Pedro de Muro (Porto do Son). **O Prado de Arriba** e **O Prado de Abaixo** en Prado (Friol).

O Prado Vello en Labrada (Guitiriz), **O Pradovello** na Rigueira (Xove), **Os Prados Vellos** en Vigo (Cambre).

---

[81] *excornis: qui sine cornibus est* (DuCange).

[82] MSJ:48 aduce un documento latino de 1166 que fala "daquel lugar solitario que se chama Schornabous" (*locum illum heremum qui nuncupatur Schornabous*) e explica que o lugar é de grandes penedos en forma de mesa menos un (precisamente o de Escornalbou) que ten o perfil cónico dun corno. Aínda que MSJ interpreta o *es* inicial como un artigo (*es corn* "o corno"), parécenos que dificilmente dará esa interpretación co texto latino que cita.

[83] A primeira vista podiamos considerar tamén o topónimo *Prada*, como un feminino indicador de diferenza de tamaño con *prado*, (tal como acontece entre *cesto* ~ *cesta* e *agro* ~ *agra*) pero non encontramos ese significado no uso nin nos dicionarios; de xeito que, se cadra, temos que pensar en que aí se oculta un *Parada* (topónimo viario) ou un trebello agrícola. Serían *Prada*, parroquia na Veiga, e lugares en Xuances (Xove) e en Cruces (Padrón); *A Prada Grande* en Queixeiro (Monfero), *A Prada Pequena* en Queixeiro (Monfero); *A Pradanova* e *A Pradavella*, parroquias nas Somozas.

Pradobó en Palmés (Ourense), **Pradomao** lugar e parroquia en Parada de Sil.
Pradoalbar, lugar e parroquia en Vilariño de Conso.
Pradolongo no concello da Veiga.
Prado da Cal en Taboi (Outeiro de Rei).
Prado da Valiña en Seivane de Vilarente (Abadín).
Prado do Monte en Xuño (Porto do Son).
Pradocabalos en Viana do Bolo. **Pradorramisquedo** en Viana do Bolo.
Prado de Canda, parroquia en Covelo.
Prado de Limia, parroquia en Muíños.
A Porta do Prado en Arrabaldo (Ourense).
O Campo do Prado en Nebra (Porto do Son) e en Torneiros (Pol).
A Casa do Prado en Carantoña (Vimianzo), **A Casa dos Prados** na Ermida (Quiroga).
Chan de Prado na Lamosa (Covelo).
O Coto de Prados en Santiago de Ribarteme (As Neves).
Lama do Prado en Brosmos (Sober).

Lameiro é o nome que en boa parte de Lugo e Ourense lle dan ó prado pesado por ter auga permanente en abundancia (no Salnés *herbeiro* e en Tabeirós *herbeira*). Por esa razón supoñemos que ese debería de se-lo significado dos seguintes topónimos:
Lameiro do Monte en Razamonde (Cenlle).
Lameiro Quente en Entrambosríos (A Merca).
O Lameiro en Prógalo (Lugo), en Reigosa (A Pastoriza), en Amandi (Sober) e en Losón (Lalín) [84].
Lameirós en Tardade (Vilalba). **Lameirón**, microtopónimo de prado en Negradas (Guitiriz).
Os Lameiros en Samarugo (Vilalba), en Navea (A Pobra de Trives) [85].
Os Lameiros de Abaixo e tamén **Os Lameiros de Arriba** en Ligonde (Monterroso).
A Namela en Coence (Palas de Rei) é topónimo pero no veciño Monterroso é palabra de uso común co significado de "prado natural de auga e herba permanente".
O Campón, nome dos prados de secano, é topónimo en San Román de Montoxo (Cedeira), en Cabovilaño e en Coiro (A Laracha), en Dexo (Oleiros), en Moucide (O Valadouro) e en Vilarrube (Valdoviño). **Os Campóns** en Sigrás (Cambre).
Cortiña. É normalmente unha terra de labor cercada de muro pero tamén pode ser un prado cercado. En Galicia hai numerosos lugares que se chaman *Cortiñas* ou *As Cortiñas*. E hai tamén en Cambados *Cortiñas de Abaixo*.
Boedo. Citamos aquí con reservas este topónimo porque, como dixemos en 15.1.2., algúns explícano como abundancial da planta *buda* (espadana). O primeiro dicionario da RAG rexistra a palabra *boedo* como substantivo común vivo cos valores seguintes (entre outros): "4. Establo, majada donde posan bueyes. 5. Hierba de cerca de una vara de alto, sin flor, de un solo tallo, y éste envuelto sobre sí mismo. Abunda mucho a orillas de la ría de Padrón. Se da al ganado y sirve también para el molime. Var: HERBA DO BOEDO". Isto pasou a dicionarios posteriores pero ERQ3 xa só o recolle como "2. *s. m.* Comunal de pastos en terreno húmedo, fresco, en sitios pantanosos" en Guitiriz; e CGG como "tierra pantanosa" en Feás, Laxe e Gui [86]. En calquera caso é nome dunha aldea en San Silvestre de Veiga (Culleredo), outra en Xaviña (Camariñas) e, na forma **O Boedo**, outra en Santa María de Queixas (Cerceda). Tamén é nome dun río que nace en Guitiriz e que aflúe ó Ladroil e dá nome a montes en Begonte e Guitiriz.
Boedos. Regato que nace en Soesto, parroquia de Laxe, e desemboca no mar.

---

[84] Deixamos fóra os da Galicia occidental, porque nela *lameiro* parece significar habitualmente o lugar onde hai lama ou onde empozan as augas, aínda que Valladares (da Estrada) defíneo tamén como "prado". Aí estarían *O Lameiro* de Barcala (A Baña), de San Román de Montoxo (Cedeira), de Mandaio (Cesuras), de Añá (Frades), de San Fiz de Monfero (Monfero), de Arca e de Gonzar (O Pino), de Crecente, de Mañufe (Gondomar), de Santa Xusta de Moraña (Moraña), de Guláns (Ponteareas), de Corzáns (Salvaterra de Miño), de Bembrive e mais en Sárdoma (Vigo) e de Cea (Vilagarcía de Arousa). Tamén deixamos fóra *Lameiro* de Campo (Arzúa), de Campo (Campo Lameiro) e de Mougás (Oia).

[85] Deixamos fóra *Os Lameiros* de Buscás (Ordes) e de Cabreira (Salvaterra de Miño).

[86] O P. Sobreira definiuno así nas súas *Papeletas* (1787-1805): "BOÈDO Y REFOXO. s s. m m. de Bergantiños. El sitio de agua estantía, que rebalsa a par de los ríos que caminan por llano, y en que, cuando ellos bajan, siempre se queda braña o tierra pantanosa, que también le dan estos dos nombres" .

O Boeiro. Lugar de Santalla de Valdoviño, no concello do mesmo nome. A orixe deste *Boeiro* podería se-la palabra latina *buarius* que encontramos en documentos latinos de Sobrado co significado de "lugar onde estan os bois" (*portum buarium*), un Porto Boeiro que, por parte, se repoboa de vacas [87]. Pero noutro documento de 1168 do mesmo mosteiro aparece outro significado, cando se di "e que daqueles homes tivesen os seus carpinteiros, e pedreiros, e boeiros e vaqueiros e cabaleiros e tódolos pegureiros de ovellas ou greas" [88], e noutro de 1159 asina un *Petrus Salguado magister bouarius,* un "mestre boeiro" que ou era un xefe dos criados que atenden o gando dunha familia (ou entidade rica) ou un entendido na atención sanitaria e terapéutica do gando, precedente dos albeites. Supoñemos, polo tanto, que *O Boeiro* debe de refrirse a algún destes valores. Pero é inseguro, porque hai un illote no sur das Cíes, chamado *Boeiro* ou Agoeira, no que non parece posible que algunha vez estivesen os nosos bois e que os mariñeiros refiren, en cambio, ó marisco denominado *boi.*

Boeiros. Lugar de Santa Marta de Moreiras (Pereiro de Aguiar). Ramón y Fernández-Oxea [89] di que a historia de Boeiros está documentada desde 1222 (*Buarios*) [90].

O Boieiro. Lugar de Distriz, concello de Monforte de Lemos. En Portugal tamén se rexistran os topónimos *Boial*, *Boieira*, *Boieiro* (DMA:78).

Folga dos Bois: lugar da parroquia de Marzá (Santa María), no concello de Palas de Rei que cita XPP:182 pero que xa non aparece no Nomenclátor actual.

A Pastoriza. Nome dunha ducia de lugares ou parroquias e mesmo dun concello (no extremo nororiental da Terra Chá) [91]. Como diximos en 9.11 é un dos nomes que se lle daba ós chozos, chabolos, choupanas, é dicir, casiñas feitas coas pedras que se encontran no monte para que se abrigasen da choiva os que andaban co gando.

Pastoriza a Nova, **Pastoriza a Vella** e **A Cruz de Pastoriza**, os tres topónimos en Lema (Arzúa). Coidamos que é a estes ós que se refire un documento do século X que fala de "Pastoriza, no territorio do Deza máis arriba de Piloño" (*Pastorica terrritorio Deza super Pilonio*) e como "Pastoriza onda Carbia" (*Pastoricia ad Caruiam*) outro documento de Carboeiro de 1246. Piloño e Carbia son de Vila de Cruces, concello estremeiro co de Arzúa. Véxase a lenda da Pastoriza na epígrafe 15.2.12.

A Vacaría ou simplemente **Vacaría**. Lugares das parroquias de San Salvador de Budiño, O Porriño, e de Oleiros, en Salvaterra de Miño. No latín medieval (segundo DuCange) era un campo ou predio axeitado para alimentar un certo número de vacas (e cita unha *vacaria* de 40 vacas). Pode incluí-la noción de campo circundado. Tamén en Portugal hai *Vacaria* (DMA:79).

As Vacarías. Nome dun lugar en Couso, Gondomar, que sería plural do anterior. Nunes [92] dá exemplos en Portugal e coméntaos como *manada de vacas*.

Vacariza en Samarugo (Vilalba), **A Vacariza** en Berdeogas (Dumbría), Cariño, en Isorna (Rianxo), en Pedroso (Narón), en Piñeiro (Xermade), nas Pontes de García Rodríguez, en Trasancos (Narón), en Valdoviño, en Visantoña (Santiso), na Enciñeira (Quiroga), en Farnadeiros (O Corgo), en Ligonde (Monterroso), en Montouto (Abadín), nas Negradas (Guitiriz), en Neiras (Sober), en Remonde (Palas de Rei), en Ulloa (Palas de Rei), en San Lourenzo de Siabal (Paderne de Allariz) e na Armenteira (Meis). Tamén, nome dun monte na Armenteira (Meis) e doutro en Vilalba, así como dunha enseada en Rianxo. Tamén en Portugal hai *Vacariça* (DMA:79).

Na documentación medieval forma parte da serie *Ovellariza e Porcariza.* No latín medieval *vaccaritia* (de onde procede a nosa *vacariza*) significaba "campo ou propiedade idóneos para criar, alimentar e estabular vacas" (Du Cange [93]) (XVS:301). ERG defíneo como corte, lugar cerrado e

---

87 *contra Sanctum Ciprianum ad portum Buarium et populaui eum uaccis* (doc. de Sobrado sen data) ("contra San Cibrán onda o Porto Boeiro e repoboeino de vacas").

88 *et de illos homines habuissent suos carpentarios et petrarios et buarios et uaccarios et equarios et cuncti custodes peccorum siue gregum.*

89 Morei.:54.

90 Na parroquia de Santa Marta de Moreiras alcuñan deste xeito ós habitantes dos quince lugares da parroquia: *Mintirás, os de Cibreiros; / Poucas verdás hai en Boeiros. / Teares vellos, Chaodarcas. / Pica toxos, Anduriñas. / Pecha pan, Outeiromeao. / Laxas duras, Cimadevila. / Zarramangueiros, os de Pioselo. / Bouceantes, Casmartiño. / Abogados, Caspiñón. / Pleiteantes, no Outeiro. / Xente noble, Santa Marta. / Carniceiros, na Derrasa. / Carpaceiros, no Penedo. / Calzafouces, en Pedraio. / Altas sebes, na Medorra /e alá vai a conta toda* (Morei.:45).

91 *Pastoriza* en Mabegondo (Abegondo), en Arteixo, en Lousame, nas Ribeiras do Sor (Mañón), en Roo (Noia), en Taragoña (Rianxo), nas Somozas, en Bruicedo (A Fonsagrada), na Pastoriza, en Ove (Ribadeo), en Ardán (Marín), en Brandariz e mais en Carbia (Vila de Cruces).

92 JJN: 452-473.

93 *vaccaria, ager vel predium vaccarum numero alendo idoneum* (DuCange).

cuberto onde se recolle o gando, especialmente as vacas, como veremos en 15.2.7. Véxase o que diremos en 15.2.11.

A Vaqueira e **O Vaqueiro** son, respectivamente, lugares de Meilán e de Maniños (Fene). Poden referirse na súa orixe a pegureiros ou ben a lugar no que hai vacas. En Portugal tamén se rexistran os topónimos *Vaqueira* e *Vaqueirinha* (DMA:79).

Vaqueriza. A Serra da Vaqueriza é un sistema montañoso lucense entre os concellos de Castroverde e Baleira. Significa o mesmo cá Vacariza.

15.2.5. A presenza ocasional ou habitual dos bovinos como denominador toponímico

Hai outros lugares ós que o gando vai pacer ou beber e que quedaron marcados na toponimia, aínda que hai especialistas que prefiren outras explicacións para estes *Bois*.

A Fonte dos Bois. Lugar de San Cristovo de Cerqueda en Malpica de Bergantiños. AMS di *fuente de los bueyes*. E pode ser. Pénsese que hai moitos paralelos coma *Fonte de Cervos* (Palas de Rei), *Fonte do Can* (Friol), *Fonte da Égoa* (Láncara), *Fonte do Lobo* (Becerreá), *Fonte do Porco* (Monterroso) e tamén *Fontepécora* (Moeche) e *Fontecabalos* (Lalín). E fóra de Galicia sabemos da existencia de *Fuente del Gato* (Almería), *Fuente del Sapo* (Cáceres), *Fuente El Carnero* (Zamora), *Fuente Obejuna* (Córdoba) e, máis próximo ó que nos interesa, *Fuentenovilla* (Guadalajara). Con todo, o feito de que un documento latino de 1120 (Pedroso, Narón) xa nomee un lugar chamado *Fonte Boi* [94] non nos permite excluír que aí teñamos orixinariamente un nome de persoa (*Avoli* ou *Boni*) e non un verdadeiro *Boi.*

(O) Campo dos Bois. Aldea da parroquia e concello de Viveiro e aldea de Traba, Laxe. AMS explícao co seu significado aparente. Lembremos que hai *Campobecerros*, o mesmo que podemos atopar paralelos como *Campo das Bestas* (Gondomar), *Campo dos Cochos* (Val do Dubra), *Campo da Ran* (A Laracha) e *Campo das Ratas* (Narón).

O Rego dos Bois. Aldea de San Paulo de Río Barba, no Vicedo, e regato na mesma parroquia. AMS di *reguero de bueyes*, bebedoiro. É certo que nos montes o gando vai beber a regueiros que coñece ben e que ás veces o home inexperto non sempre descobre. Tamén hai *O Rego dos Bácaros* (As Pontes de García Rodríguez), *O Rego do Can* (Portomarín), *Rego dos Cas* (Mondoñedo), *O Rego da Cerva* (Cospeito), *Rego do Corzo* (Xermade), *Rego do Galo* Trabada), *Rego dos Gatos* (Trazo), *Rego do Golpe* (Viveiro), *O Rego do Orizo* (Friol), *O Rego do Páxaro* (Riotorto), *O Rego do Sapo* (Guitiriz e Xermade) e *O Rego dos Sapos* (Ortigueira).

Río de Bois. Aldea de Parada dos Montes, na Pobra do Brollón, e montes no mesmo concello. É un lugar situado por riba dos 900 m de altitude. Tamén, río no monte da Miñota en Samieira (Poio) onde hai un complexo rupestre caracterizado por petróglifos de círculos concéntricos, coviñas e labirintos. Véxase a tradición relativa a este topónimo en 15.2.12.

Porto de Bois. Aldeas de San Xoán do Mato (Palas de Rei) e de Vilapedre (Vilalba). Chámano-la atención que no concello de Palas exista tamén unha *Pena do Boi Louro*, un *Corno de Boi* e un *Boi Pardo*. **Porto dos Bois** é lugar de Recemel, concello das Somozas.

Punta do Boi. Saínte na costa da Morte, no cabo Trece ou Tosto, que pecha a praia do Trece, en Xaviña, Camariñas. Segundo José Baña Heim [95], que o cita indistintamente como *Punta Boi* e *Punta do Boi*, tamén se coñece como *O Baixo do Serpent* ou *Baixos do Serpent*, rememorando o naufraxio do buque escola inglés dese nome ocorrido o 10 de novembro de 1890, e que custou a vida de 172 mariñeiros dun total de 175 tripulantes. Nos mesmos baixos afundíronse, segundo o mesmo autor, outros catro barcos. Tamén é nome doutras dúas puntas costeiras: unha en Malpica de Bergantiños, entre as puntas de Lapachán e de Fuxán; e outra en Baiona.

Punta dos Bois. Ver ***Monte de Boi*** na epígrafe seguinte.

O Vilar do Boi. Lugar de Soutullo (A Laracha). Parece paralelo doutros topónimos coma *Vilar de Vacas, Vilar de Cabalos*, *Vilar de Cas*, *Vilar de Cervos*, *Vilar de Cucos*, *Vilar de Lebres* e *Vilariño das*

---

[94] *et inde in directo quomodo vadit ad fontem Boy et depronat ad portum de Linares*

[95] JBH: 81-86.

Poldras, para os que a explicación máis simple é que naceron de acontecementos dos que xa non queda memoria, pero que fixeron que o animal aludido se convertese e emblemático desa *vila.* É certo que *Vilarboi* (aldea de San Fiz, Monfero) paréceselle moito a *Vilar do Boi* e non nos atreveriamos a negar que aquel fose unha reelaboración etimoloxizante deste; pero estamos obrigados a unha reserva: *Vilarboi* pode moi ben proceder de *Villare Boni* ou de *Villare Avoli*.

Val de Boi. Aldea de San Martiño de Berredo (A Bola). Para os que pensan que o *boi* é un antigo monte, este val podía ser "val á beira do monte" pero este *Val de Boi* e mailo **Val do Boi**, en Lalín, son paralelos do *Val das Eguas* en Vidal (Trabada), de *Val da Vaca*, *Val das Vacas* e *Val dos Bezerros* (Portugal). Véxanse outros paralelos en 15.1.5. Lembremos que en Lalín hai tamén un *Pozo do Boi* (área recreativa e praia fluvial ás beiras do río Asneiro, en Vilatuxe) [96].

Area das Vacas. Punta do Cabo Silleiro (Baiona) e praia en Cabana de Bergantiños [97].

O Porto da Vaca. Lugar de Budián, O Valadouro.

Praia da Vaca en Valcobo, Arteixo. **Praia das Vacas** en Cánduas, Cabana de Bergantiños

Vilar de Vacas. Lugar e parroquia do concello de Cartelle.

Pozo da Vaca. Ver na epígrafe 15.2.12.

Lamabecerros. Aldea de Vilarmosteiro, no Páramo.

15.2.6. Sesteiros ou lugares altos nos que os bois descansan ó mediodía

Certos lugares que levan o complemento *do Boi* ou *da Vaca* cadran a seren lugares altos (*Alto, Castro, Monte, Outeiro, Pena, Pico*). Isto levou algúns estudosos a establece-la hipótese de que o elemento *boi* fose unha palabra prerromana que signifique "monte, lugar elevado".

Como xa se dixo, nós pensamos que *boi* non se refire a altura ningunha senón ó animal: primeiro, porque daquela tamén *Vaca* tería que significar altura; segundo, porque en moitos sitios chámanlle *sesteiros*, como imos ver, a eses lugares (altos ou non) onde o gando descansa ó mediodía. Para nós os topónimos do tipo *Alto do Boi* ou *Carballo de Boi* teñen plena motivación en galego e non precisan raíces máis rebuscadas.

Alto do Boi. Monte da serra de Birduedo, no Courel, situado no límite entre Folgoso do Courel e Quiroga.

Carballo de Boi. Aldea de San Claudio, Ortigueira.

Castro dos Bois. Monte de 982 m no concello do Bolo.

Cataboi. Lugar de Freixeiro, Vigo.

Catabois. Lugar de Serantes (Ferrol). A interpretación tradicional di que é lugar alto desde onde se poden (ou podían) contemplar (*captare*) os bois que pacen.

A Mallada de Bois, microtopónimo dunha matogueira en San Sebastián de Pradorramisquedo (Viana do Bolo). Nesa terra a *mallada* é onde sestean as vacas e o sestil é onde sestean as ovellas e cabras (Viana3).

A Mallada do Touro, microtopónimo dunha carballeira en Dradelo en San Sebastián de Tabazoa de Umoso (Viana do Bolo) (Viana3).

Monte de Boi ou **Monte Boi**. Era o nome medieval da zona amurallada do pequeno promontorio que crea o porto natural de Baiona. Se ben se mira, monte monte non é: é unha elevación de varias ducias de metros sobre o nivel do mar, non máis, pero que se mete no mar formando un pequeno cabo. Xa vimos que nese lugar hai dous baixíos que se chaman *O Boi* (15.2.2.) e *O Cabezo do Boi* (15.2.3.). *Baiona* é nome que lle deu o 7.05.1201 Afonso IX mudando o antigo *Erizana* ó núcleo habitado que está trala praia. Os Reis Católicos, informados das invasións padecidas por Baiona [98], decidiron o 15.01.1497 conceder exencións fiscais ós veciños que trasladasen a súa vivenda para dentro das murallas de *Monte (de) Boi* e a estoutro lugar eles tamén lle mudaron o nome a *Monte Real* [99].

---

[96] É dubidoso que teñan que ver con este tema *Vadebois* (aldea de San Mamede de Carnota) e *Valboeira* de Boizán (Vilalba).

[97] Temos que ter presente que os topónimos costeiros que falan da vaca pódense referir a unha vaca mariña que varase alí en tempos e que quedase na memoria: este pode se-lo caso de *Area das vacas* ou *Praia da vaca* que quizais se referiu a un destes sirénidos. Tamén *Punta do Becerro* (Celeiro, Viveiro) ou *Punta Becerro* (Serantes, Oleiros) pódense referir ó becerro mariño ou foca.

[98] En *Monte Boi* entrara en 1370 o rei de Portugal Fernando I ata que os casteláns o derrotan e o obrigan a volver para Portugal.

[99] Nótese que no escudo de Baiona figuran dous bois e dous barcos, imaxe que tomaron do armario-arquivo municipal do correxidor Agustín de Arteaga Narváez, datado en 1679.

sería bien que la población de la dicha villa se pasase é mudase a monte de buey, que es junto con la dicha villa, que agora nos mandamos llamar monte Real por que allí estará más fuerte é más segura la dicha villa é vezinos della [100].

Nun documento en latín seis anos anterior chámasalle *Monte de Boy* [101]. O feito de que os Reis Católicos castelanicen o topónimo en *Monte de Buey* indica que xa daquela interpretan o *boi* da toponimia como bovino pero mándanlle chamar *Monte Real* e isto reforza a impresión de que a presenza do boi no topónimo era para eles pouco digna. Poucos decenios despois *Monte Real* xa tiña 650 veciños.
Digamos finalmente que *Monboi* era apelido no século XIII. Nun documento de Oseira de 1232 asina como testemuña un *ts. Osorius Iohannis Dominicus Petri de Monboy*.



Escudo de Baiona.

Monte de Bois. Hai dous, un ten 1.641 m de altitude e está en Cervantes, e o outro está situado no extremo norte da illa de Sálvora, tamén chamada *Punta dos Bois*.

Outeiro de Bois. Aldea da parroquia de San Xián de Beba, en Mazaricos. AMS di "otero de los bueyes". Véxase, máis en baixo, *Sesteiro.*

Pena do Boi. Aldea de Vilaboa, Valdoviño. *Penaboi*, en cambio, que é aldea de Paradela (Meis) e monte en San Xoán de Laíño (Dodro), parécenos discutible que faga referencia a un boi, aínda que exista *Pena do Boi* (ver na epígrafe 15.2.12. de topónimos con crenzas **Pena do Boi Louro**). A razón é que a *pena* asóciase normalmente co animal mediante a preposicion *de* (*Pena daguia, Pena do Cabalo*, *Pena da Cabra*, *Pena de cabras, Pena de Corvos*, *Pena do Corvo, Pena do Gato*, *Pena dos Gatos*, *Pena do Golpe*, *Pena da Lebre*, *Pena da Loba*, *Pena da Mula*, *Pena do Porco, Penas do Raposo*) ou transformando o nome do animal en adxectivo (*Pena Cabreira, Penacerveira, Penas Corveiras, Penagateira, Penalobeira, Penaoseira*) pero en *Penaboi* non se utiliza ningún deses dous procedementos. Isto parece obrigarnos a pensar nunha orixe latina, quizais **Pinna Avoli* ou **Pinna Boni*, ou que, como supoñen outros, este *–boi-* fose un elemento prerromano co significado de "monte". Con todo recoñecemos que sería inverosímil que o único que non fose verdadeiramente animal nesta serie, fose o boi e de feito encontramos un caso sintacticamente semellante en *Penatouro*. Mesmo hai un documento medieval de 1228 que fala dunha Pena que chaman *Ollo de Boi* no río Avia [102]. Tamén hai na microtoponimia de Viana do Bolo uns prados que se chaman *Ollo de Boi* e *Ollo de Boi Pequeno*, en Fradelo (Viana3).

Penatouro. Aldea de Serantes (Oleiros).

A Pena Vaqueira. Hai dúas aldeas con este nome, unha en Roupar (Xermade) e outra en Melón, esta escrita

[100] *Privilegio de la franqueza de los vezinos de la villa de Monterreal, por que los haze libres de que no paguen alcabala, pasando los vezinos de la dicha villa de ducientos. Su data en Burgos á 26 de henero de M CCCCº XCVII Años*.

[101] D. Pedro Beltrán, bispo de Tui (29.10.1491) ordena que se nomeen dous curas, un de Baiona e outro de Monte de Boy e que os dous teñan conxuntamente a cura de almas da *Vila* e mais de *Monte de Boy* (*Abbates, ut antea, nominentur, unus abbas de Bayona, et alter abbas de Monte de Boy; et ii habeant onus et curam animarum dictae villae et Monte de Boy*).

[102] *per Pennam quam dicunt Occulum de Boue qui stat in ipso flumine de Auya* (1228 Santiago).

Penavaqueira, aglutinada e sen artigo. Segundo ERG, a denominación parece corresponder a unha pena desde a cal os pastores gardan o gando (ERG: s.v. pena).

O Penedo de Xuvencos. Lugar da parroquia de Xuvencos (Boborás).

Pico Boi. Monte de 1.451 m no Courel. Véxase o dito atrás para *Penaboi.*

O Sesteiro. Nome dun lugar en Santa Baia de Mondariz. Véxase a voz *sesteiro* (12871) na epígrafe 9.10.5. Na Serra do Suído hai zonas reservadas para as parroquias da redonda ás que cada unha levaba o seu gando ó acaba-las aradas de maio e tíñano alí durante o verán, remudándose os veciños por roldas para gardalo [103]. Véxase a voz *sestar* (13162) na epígrafe 9.11.2. A etimoloxía, para os veciños, ten que ver co feito de que ó mediodía (hora sexta) o gando sobe espontaneamente a descansar nos altos (ós que tamén lles chaman *sesteiros*) e queda alí de pé ou tumbado, uns din que mirando ó occidente e outros que mirando a lugar de onde vén o vento (para que non lles levante o pelo e así non os tome o frío); pero nos días de moito sol o gando tamén busca instintivamente a sombra protectora dun carballo ou calquera outra árbore. Tamén cabe outra etimoloxía que o relaciona cun hipotético **sistario,* derivado do verbo latino *sistere* "estar de maneira permanente" e que aludiría á tempada que os animais botan nese lugar.

O Sestil das Becerreiras. Microtopónimo que designa un rochedo en Cernado (Manzaneda). Temos tamén **O Sestil das Vacas**, microtopónimo dun bosque en San Vicenzo de Vilaseca da Serra (Viana do Bolo). Estes topónimos son sorprendentes, porque, como dixemos, en Viana as vacas sestean en *malladas* e as ovellas en *sestís* (Viana3). Parece haber unha diferenza: as vacas buscan zonas con herba (*mallada*) para descansar ou sestear, mentres que as ovellas e cabras fano moitas veces entre pedras ou arrimadas ós muros. Isto fai máis sorprendente que un rochedo en San Sebastián de Pradorramisquedo (Viana) se chame precisamente *As Pedras do Sestil das Vacas* (Viana3).

15.2.7. As cortes do gando e outros lugares nos que o gando se recolle

Estes lugares, nos que se recolle o gando durante a noite e que tamén lles serve de acubillo ós pastores, coñécense no sur de Ourense como *malladas* e noutros lugares *sesteiros* (que acabamos de ver) ou *chousas* (do latín *clausa* "cerrada"). Empezaremos polos que hoxe resultan máis transparentes.

Corte, Cortes e **As Cortes** son aínda hoxe topónimos e substantivos comúns que designan a construción na que se recolle o gando de noite ou en tempo frío ou chuvioso. Estes topónimos están repartidos por toda Galicia.

A Corte do Mato. Aldea de Rodeiro (Oza dos Ríos).

O Tarreo da Corte en Santa María de Vilacampa (O Valadouro).

Non incluímos *Cortello* nin *Cortella* porque, aínda que puidesen ser orixinalmente abeiro do gando bovino, hoxe úsanse co significado de corte do gando suíño, quizais porque na súa orixe *cortello* é un diminutivo de *corte*.

Curtis. Este topónimo, que dá nome a todo un concello coruñés, designaba para os antigos romanos (alternando con *cortis*) un atrio rural rodeado de establos e outros edificios: na súa orixe, polo tanto, tiña que ver co gando. Pero só moi tanxencialmente toca o noso tema, porque co tempo pasou a designar toda a explotación agraria cos seus edificios anexos e terras de labor e nalgúns casos chegou a engadírselle o nome do dono [104].

Corral e **O Curral** cos seus plurais **Os Corrás**, **Currás**, **Os Currás** e **Os Currais** tamén son moi abundantes e están repartidos por toda Galicia con menor incidencia na provincia de Ourense. *Os Currais* só

[103] Curiosamente o *sesteiro de Caritel* non está na zona máis próxima á parroquia de Caritel senón relativamente próxima ós lindeiros de Avión. Na altura do 2007 queda nos vellos a memoria do uso deste dereito. Véxase o que dixemos na epígrafe 9.11.

[104] A palabra latina serodia *curtis* é unha evolución do latín clásico *cohortis* e, polo tanto, é irmá da nosa *corte* (Du Cange s.v. *cortis, curtis*). Entre os séculos VIII-XI a *curtis* era unha facenda agraria dividida en dúas partes: a parte *dominica* (a do dono ou *dominus*), conxunto de terras que o propietario facía cultivar directamente ós seus servos e onde estaba tamén a súa vivenda e servizos anexos; e a parte *massaricia*, conxunto de parcelas, tamén chamadas *mansos*, asignado a familias de agricultores libres (os parceiros ou *massaris*) que pagaban unha renda en diñeiro ou en especie. Este modelo de organización da gran propiedade territorial (tanto laica como eclesiástica) tivo forza maiormente en Italia. O concello de *Curtis* ten preto o mosteiro de Sobrado e na parroquia de Santaia ten un lugar chamado *Quintadóniga* (que podería se-la primitiva *parte dominica* da *curtis*). En certos países algunha *curtis* (coma, entre nós, moitas *vilas* e *bustos*) fixou o nome do primeiro propietario: o topónimo *Betancourt* significaba "a curtis de Bettón".

o encontramos en Zas, Santiago de Compostela e no Incio. Tamén son transparentes, porque como palabra común teñen o significado de lugar cercado en que se garda o gando, normalmente ó pé da casa e non cuberto. Na microtoponimia de Viana do Bolo queda **O Curral das vacas**, labradío en San Xoán de San Martiño.

A Chousa, **A Chousela**, **A Chousa Grande**, **As Chousas** proceden do latín *clausa* ("cerrada"): aínda que designan terreo acoutado por un muro, sen especificar se a utilización é agrícola ou gandeira, no caso da *Chousa dos Bois* a súa utilización gandeira é evidente.

Vacariza e **A Vacariza**. Véxase o que dixemos 15.2.4.; tamén poden significar corte ou corral onde se recolle o gando, segundo ERG. Véxase o que diremos en 15.2.11.

Cruz do Touro. Monte de 1.222 m de altitude en Riocaldo, Lobios.

Vexamos agora uns topónimos que expresan este mesmo concepto pero que xa son menos transparentes.

Pazo, Pacio. Sendo hoxe unha palabra común que designa unha casa señorial, tendemos a pensar que os lugares que se chaman *Pazos* ou *Pacios* se refiren a esas construcións. Pero non hai rastro arquitectónico nin documental de tantísimas casas señoriais en Galicia: 1 concello, máis de 100 parroquias e case 350 lugares. ¿Cómo é que algunhas aldeas, nas que non hai traza de que houbese nunca unha casa señorial, se chaman *Pazo,* e mesmo *Pazos* en plural? ¿Cómo é que que case todos eses lugares son rurais, e non urbanos? ¿Cómo é que no resto de Europa a toponimia non sinala tantos *Pazos*? ¿Por que se concentran no terzo noroccidental da península ibérica? ¿Como hai tantos en Galicia, se, aquí coma no resto de Europa, os documentos medievais ós edificios chámanlles *casas, casales, cellas, villas, villares, cabannas* ou *quintas* pero non *palatios*? A resposta dun especialista en indoeuropeo como Moralejo Álvarez é que a maior parte dos nosos *Pazos* ou *Pacios* proceden dunha palabra prelatina ***palatio,*** coa que, se cadra estarían emparentadas *Palas* e mesmo *Pambre*. E ese ***palatio*** prelatino significaba "muros que delimitan un terreo no que pace e se garda o gando"; como moito, a "cabana do pastor". No primitivo latín tamén foi así. *Pales* era a deusa dos pastores e *Palatium* ou *Palatino* era inicialmente o couto no que pacía o gando de Roma; pero cando, tempo andando, os emperadores foron construír alí as súas mansións, colleu o significado de "mansión señorial".

Busto é palabra que estivo viva, polo menos ata o século X. Cotarelo, ERG e ERQ3 parece que aínda a dan como palabra viva no uso común (e así o temos que recoller nós). Pero este é un dos casos nos que, na procura da luz etimolóxica, tropezan as etimoloxías coa realidade actual (tal como dixemos en 15.1.6.) e sorpréndenos que, de estar viva esta palabra, haxa tanta discusión sobre o seu significado. Por unha banda, *Busto* sobrevive como topónimo que designa dende antigo lugares con construcións [105]; en cambio os significados que se ofrecen son "lugar onde se queimaba un cadáver e despois se enterraban os ósos" ou "terreo que se queimaba (<(*com*)*bustum*) para provocala aparición dun prado".

O Glosario medieval de Du Cange (s.v. *bustum*) defíneo como lugar onde paran os bois, as vacas e o gando menor. O P. Sarmiento (FMS) relacionábao cos pastos:

> (497) *Los vaqueyros* viven de la arriería y de su ganado. En invierno residen en los puertos de mar. En verano se mudan con toda su casa y ganado, y se van a vivir, o a* ****embrañar****, en las montañas. Y así alternan toda su vida. Como sólo viven de *ganado, se llaman* ***brañas*** *sus sitios que ocupan, así en el *invierno como en el *verano. Hay otra voz común en Galicia, que es nombre de sitio, y se [229 v.] llama Rañadoyro Reñadoyro. Aplícase por lo común a caídas de algunos montes. Y como en esas suele haber algunos pastos de verano o brañas, sospecho que su origen primero habrá sido* ***Brañadoyro*** *y* ***Breñadoyro*****, y que después, perdida la B, se dijo Rañadoyro y Reñadoyro, sitio de brañas.*
>
> (498) *Esos mismos pastos o* ***brañas****, por ser por lo común para el ganado vacuno, tienen otro nombre, tomado de bos, el buey, y es el latín de Media Edad* ***bustum****, y en castellano* ***busto****, y en gallego, tomado a la gótica el plural,* ***busta*** *por singular* ***bouza*****, mudada la ST en Z como en Cevallos*. Así,* ***busto*** *castellano y* ***bouza*** *gallego, y con diminutivo* ***bustillo*** *en castellano,* ***bustiello***** en Asturias y* ***bostelo*** *en Galicia, todo significa [230 r.] el sitio en donde pastan los bueyes. De el mismo* ***bustum*** *viene la voz gallega* ***bosta****, que significa lo que en castellano boñiga. Hay muchos apellidos de* ***Busto****,* ***Bustos****,* ***Bustillo****, etc., y en Galicia* ***Bouza*** *y* ***Bouzas****, sin parentesco alguno, ni aun remoto, pues cada*

[105] A conversión en topónimo xa estaba en marcha no século X: "excepto o vilar que chaman Busto" (*excepto uillare quod uocitant Busto*) (959 Sobrado).

> *uno se tomó de un **busto** como sitio en diferentes lugares. Y aquí me viene el apellido **Voz-mediano**. Viene el **busto**, pues de hecho leí en instrumento latino de Castilla el sitio de **Busto-mediano** y de eso vino **Bost-Mediano**, y mudada la ST en Z. **Boz-mediano**, y se debe escribir, no con V sino con B. Este sitio se llamaría en Galicia **Bouza-meá**.[230 v.]*

Opinións máis recentes son as de Rohlfs (que o fai equivalente de *braña*, coma Sarmiento), mentres que Piel o relaciona con *bosta* (seguindo tamén nisto a Sarmiento); outros considérano aférese de *(ar)bustum* ou relacionado coa palabra gala *bou*, vaca [106] e Bascuas di que é unha palabra prerromana que estivo viva ata os séculos XII – XIII co significado cambiante de "rebaño de ganado vacuno" que evoluíu a "rebaño de cualquier clase de ganado" e finalmente "pastizal" (EBas2:74).

Ante tanta variedade de teorías, nós optamos por facerlles ós documentos medievais latinos (que aquí citamos na nota a rodapé) a pregunta negativa ¿que é o que non son os *bustos*? Os documentos medievais preséntannos os bustos en enumeracións e por esas enumeracións vemos que os *bustos* son diferentes das vilas (documento de 803), das devesas (doc. de 863), das salinas, pesqueiras e paradas (872) pero tamén das searas (doc. de 857); que os hai fondos (*Bustum Covum*), que os hai "fríos" (*Bustum Frigidum*) [107] (doc. de 878) pero que, en calquera caso, teñen moito que ver coas brañas (doc. de 905), e sobre todo co monte (docs. de 873, 936, 998), mesmo se a pendente chega ó mar (doc. de 905); parecen estar en lugares de pastos tanto de verán como de inverno (doc. 857); pero o máis importante e que son algo distinto dos prados (doc. de 853), que neles hai vacas e bois (docs. de 969, 998) [108] e que comprenden algún tipo de construción, segundo di un doc. de Celanova de 940: "e todo o que da miña propiedade puiderdes encontrar neses bustos: é dicir, os propios vilares, coas paredes, e terras cultas e incultas..." [109]. O contraste perfila.

Descartado que os *bustos* sexan prados e vendo que teñen muros, vén ó caso que lembremos con Moralejo Álvarez (JJM:34-36) que na máis longa inscrición celta da Península, o bronce de Botorrita (Zaragoza), aparece a palabra *boustom* co significado de "corral ou corte para bois"; a etimoloxía sería *busto* < **būsto-* < **bousto-* (ide. **g*^{w}*ou-sth*$_2$*-o-*). Se agora volvemos atrás, lembramos que xa Du Cange definía o *bustum* como *statio boum* ("lugar onde paran os bois"). Polo tanto *busto* resulta sinónimo de *Corral de vacas* ou *Vilar de vacas*. Un documento de 969 de Lourenzá parece confirmalo: *per tres bustos centum & quinquaginta vaccas maiores cum tres tauros* ("en tres bustos 150 vacas adultas con tres touros").

Isto é o que pensamos que debe de se-lo noso *Busto*, que hoxe dá nome a diferentes lugares habitados nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, e tamén nome dunha parroquia en Lalín e outra en Santiago [110]. Así mesmo, recibe este nome un afluente do río Deza [111].

---

[106] FCQ: 83.

[107] Ver nesta mesma epígrafe *Bustofrío*.

[108] *tam in uillas quam etiam in busta siue in uineas et pomifera* (803 Oviedo) // *uineis, terris, pomares, exitum et regressum, molina, bustares sibe et domicilia* (831 Liébana) // *cum montibus, fontibus, aztoreris, bustis, pratis, aqueductibus, exitibus, piscationibus, molinariis* (853 Oviedo) // *cum omnia sua terras, et busta* (856 Lugo) // *cum sernis et bustis* (Oviedo 857) // *et bustos pernominatos Loarrio, et longe branias, et Arrium, et translectum. in Riosa, ecclesiam sancte Marie seu bustos pernominatos, tam de tempore uerani quam de tempore iberni* (857 Oviedo) // *tam ex una parte ripa fluvii quam ex altera, seu bustum Paulini [...]eclesiam quam dicunt sancti Christofori cum omnia sua, terras et busta* (861 Samos) // *ipsas decanias et ipsas hereditates et ipsos montes cum suos bustares et cum suas divisas* (863 S. Millán) // *similiter et suas salinas et sua busta, paratas, piscarias vel quicquid ad ipsa loca pertinet* (872 Samos) // *et est ipse busto in monte Baron inter Bubale et Caldelas, super castro Litorie in loco predicto Felgarias* (873 Celanova) // *et alia villa que dicitur Bustum Covum; sive et Bustum Frigidum* (878 Samos) // *addicemus eciam ecclesie uestre, busta pernominata, in territorio Asturiense, id est, in monte Aramo: bustum quod dicunt Foios et bustum Fonte Frida, et busto quod dicunt Ortizeto, et alio Orticeto, et busto quod dicunt Coua Maiore, et Coua minore, et bustu quod dicunt Millatoris, et bustu quod dicunt Pando de Andruas, et bustu quod dicunt Buslorelli, et busto quod dicunt Carualios, et busto quod dicunt Cabanna Fenestrelli, busto in Forcata quod dicunt Monte Obio. in foris montes busto in Obinna quod dicunt Castro et in Aruolia busto quod dicunt Funtum.* (891 Oviedo) // *etiam concedimus cum suis familiis et bustis pernominatis Brania Seui, Plano de Brania, Oueliariz, Brania longa* (905 Oviedo) // *in litore maris illa busta media* (905 Oviedo) // *de ipsos nostros bustos, quos visuri sumus abere in monte quam vocitant Toro* (936 Celanova) // *fiunt boues per ipsas uillas iuga XV, uaccas inter bustos de Fiuula et Zataconi maiores que desuper resonant numero C* (938 Celanova) // *per tres bustos, centum & quinquaginta vacas majores cum tres tauros* (969 Lourenzá) // *bustos in monte Lene duos cum bacas tres* (998 Lugo).

[109] *quantum mea uoce de mea portione potueritis inuenire in ipsos bustos, id est: ipsos uillares cum parietibus, terras cultas uel incultas* (940 Celanova).

[110] En Busto (Santiago de Compostela), en Ordoeste (A Baña), en Cerceda (Cerceda), en Buxantes (Dumbría), en Corzón (Mazaricos), en Visantoña (Mesía), en Ermedelo (Rois), en San Martín de Neira de Rei (Baralla), en Silvela (Friol), en Cabanela (Navia de Suarna), Busto (Lalín).

[111] É sabido que os ríos, mentres son pequenos, levan moitas veces o nome do lugar no que nacen e vano cambiando polo nome do lugar máis grande polo que pasan.

Co nome **O Busto** temos oito lugares [112] e, baixo a forma **Bustos**, unha aldea do Souto, A Peroxa. O parentesco do galego *Busto* e *Bustelo* co castelán *Busto e Bustillo* é evidente. Máis difícil é a relación entre *bustum ~ busta* con *bouza,* que establece Sarmiento[113].

O Río de Busto. San Martín de Neira de Rei (Baralla).

Bustofrío. Lugar de San Xoán de Lóuzara (Samos) e serra no Courel. Estes e outros similares aparecen nos documentos medievais latinos como *Bustum frigidum* (doc. de Samos, anos 878 e 1238), *Bustum fridum* (Samos, ano 909) e *Bustum frium* (doc. de Meira 1222). Tamén hai *Valfrío, Meixonfrío, Manxofrío*, *Vilafrío* e *Vilariñofrío.* Gonzalo Navaza ten manifestado a opinión de que algúns destes lugares que levan o apelativo de *fríos* quizais non aludan á temperatura dominante senón a lugares abandonados pola poboación; pode ter razón porque *casa quente* significa "casa habitada" [114].

Bustomaior. Aldea da Porta, Sobrado.

Bustomeao. Aldea de San Xurxo do Cadramón (O Valadouro) procede de *bustu medianu* ou por estar entre outras terras de características diferentes ou por estar na metade dunha zona costeira. Probablemente **Gustomeao** (lugar da parroquia de San Martiño de Araúxo, concello de Lobios) é variante con alteración da consoante inicial: do mesmo xeito que **O Gustovedro** (aldea das Encrobas, concello de Cerceda) parece proceder de *bustu veteru* "busto vello".

Busto Redondo. Lugar da parroquia de Santo André de Lousada, Xermade. Na mesma parroquia temos dous lugares que nos interesan: *O Corno* e *O Campo da Feira*.

Bustoseco. Aldea de Ribasieira, en Porto do Son.

Algúns destes *Bustos* conservan unido o nome do antigo propietario. Nalgúns casos aínda é transparente, coma no caso dos frades (**Busto de Frades**, lugar de Cornanda, Brión) ou do abade (**Bustabade**, aldea da parroquia de Seixas, nas Somozas); este último, nalgún caso, tivo unha evolución propia da fonética galega (**Buchabade**, aldea de Tourón, Ponte Caldelas). Noutros casos o nome do primitivo propietario é menos transparente: así *Freán,* antigo nome galego-gótico con numerosas variantes en Galicia (das que a máis coñecida é Froilán), deu **Bustofreán** (lugar de Vilapedre en Vilalba). E da raíz *ar-ui*, naceron *Arvildo* e **Arvilio* de onde **Bustarvelle** (aldea de Ouviaño en Negueira de Muñiz). Pero tamén da fértil raíz xermánica *will(j)* (que deu entre moitos outros *Guillamil, Guillarei, Villariz, Guillufe* ou *Guillán* e o antropónimo *Guillermo*) naceu o nome *Guiliadus* de onde *Guillade* e **Bustiguillade** (en Ribasieira, Porto do Son). Todos estes, polo tanto, son *bustos* que foron propiedade dos *frades*, do *abade,* de *Freán,* de *Arvilio* ou de *Guillado* respectivamente.

E outros *Bustos* aínda están máis agachados, como é o caso de **Busgulmar**, no que o propietario é *Gulmaro*, presente noutros topónimos coma *Golmar e Golmariz.* **Busdongo** que probablemente vén de *bus(tum) dominicum* "busto do señor". *Fisteus* vén tamén dunha raíz xermánica *fila* e de aí temos en Quiroga **Bustelo de Fisteus**.

Bustelo. Topónimo diminutivo de *busto* que xa vimos. Nome de numerosas aldeas nas catro provincias [115] e de derivados coma **Busteliño** [116] e de compostos coma *Bustelo de Abaixo* en Carballedo, *Bustelo de Arriba* en Carballedo, o xa mentado *Bustelo de Fisteus* en Quiroga, *Bustelo de Lor* en Vilar de Lor (Quiroga), *Bustelo de Murias* en Negueira (Negueira de Muñiz), *Bustelo Grande* en Monte de Meda (Guntín), *Bustelo Pequeno* en Costante (Guntín). Tamén é nome dun afluente do río Paradela, que nace en Cabaleiros (Tordoia) e tres montes (un en Erbecedo, Coristanco, A Coruña; outro en Rioseco,

[112] Fisteus (Curtis), O Freixo (As Pontes de García Rodríguez), Santa Sabiña (Santa Comba), Cedrón (Láncara), Saa (A Pobra do Brollón), Abalo (Catoira), en Dimo (Catoira), na Armenteira (Meis).

[113] As *bouzas* xa aparecen con esa grafía en documentos latinos dende o ano 922 e posteriormente aínda aparecen formas presuntamente anteriores (*baucia* en 1200; *bauza* en 1100 e *bauzia* en 1109) quizais como pretendidos cultismos.

[114] Con todo, para comprende-lo significado de frío, aínda podemos lembrar que *igrexa fría* era a que tiña dereito de asilo; que *secafría* é un dos nomes da brétema; que *tío frío* é o tío político; e que *arbor frío* (hoxe *árbore do frío*) é un álamo ou sangomiño que ten as follas en movemento tan constante, que, por pouco vento que haxa, parece que está tremendo. Podería ser que *busto frío* significase "situado nun lugar venteado".

[115] *Bustelo* no Pereiro (Alfoz), en Brandeso (Arzúa), en Vilachá (Becerreá), en Martín (Bóveda), no Castro (Cervantes), en Valenza (Coristanco), en Campo (Covelo), en San Xoán de Laíño (Dodro), en Salgueiros (Dumbría), en Nigoi (A Estrada), en Mandiá (Ferrol), en San Martiño de Condes (Friol), no Buriz (Guitiriz), en Lebozán (Lalín), en Vilouzán (Láncara), en Vilaño (A Laracha), en Mañón (Mañón), en Muras (Muras), en Devesos (Ortigueira), en Vicinte (Outeiro de Rei), en Covas (San Cristovo de Cea), en Montouto (Santa Comba), en Rosende (O Saviñao), en Escuadro (Silleda), en Luou (Teo), en Fao (Touro), en Gondaísque (Vilalba), en Lanzós (Vilalba), en Santa María de Traseirexa (Vilardevós), na Abeleda (Xunqueira de Ambía). Tamén *O Bustelo* en Doso (Narón); e *Bustelos* nas Estacas (Fornelos de Montes), en Vilatuxe (Lalín) e na Medorra (Montederramo).

[116] En Veascós (Carballedo) e en Sobradelo (Xunqueira de Ambía).

Muras, Lugo; e outro en San Xoán de Freixo, nas Pontes de García Rodríguez). Corresponde, como dixemos, ó castelán *Bustillo.*

A Poboanza (en Parada de Amoeiro e en Pazos de Reis, Tui) e **A Pobanza** (en Trevoedo, Maside; en San Paio de Senra, Rodeiro; e en Castenda da Torre, Tordoia) proceden de *populantia*, nome que se lles daba ós lugares nos que se asentaba poboación co seu gando. Debemos a Gonzalo Navaza a advertencia sobre un documento de 1252 de Oseira que di que este mosteiro tiña nun certo casal un boi e unha xovenca e unha cabra e unha porca de poboanza [117].

15.2.8. Os rabaños de bovinos como referencia toponímica

En Galicia *armentío* mantén o significado de cabeza de gando maior (JCP e ERQ3) pero tamén o conxunto do gando (significado hoxe máis estendido) e todo vén do latín *armentum* "gando maior"; así que os seguintes topónimos son de motivación transparente.

Armental. É nome de seis lugares e dúas parroquias [118]; a eles hailles que engadir **O Armental** en Duarría (Castro de Rei); e, como confirmación do significado, anotamos que na parroquia de Armental (Vilasantar) hai un lugar que se chama *O Toural* [119].

Armenteira. Lugar onde se garda ou cría o gando [120]. Nome da parroquia (Santa María) e mosteiro cisterciense no concello de Meis, no que se sitúa a lenda do santo Ero. Este mosteiro de Armenteira aparece xa citado no 1154 como *Armenteera*, no 1178 como *Armenteira*, e no 1194 como *Armentaria* [121]. Tamén aquí hai topónimos que confirman o significado gandeiro orixinal desta parroquia: son *O Busto, Cabeza de Boi e A Vacariza*.

Armenteiro. Nome dunha punta na ría de Betanzos e de dúas aldeas, **Armenteiro de Abaixo** e **Armenteiro de Arriba**, na parroquia de San Xurxo de Moeche (Moeche). **Armenteiros** é lugar de Esperante, en Taboada.

Armentón. Parroquia de Arteixo, onde curiosamente hoxe existe industria leiteira. Dentro da mesma parroquia témo-la aldea de **Armentón de Arriba**. *Armentón* parece aumentativo de *Armento*.
AMS cita *Armentío* pero o Nomenclátor actual non confirma que exista actualmente en Galicia.

15.2.9. As feiras do gando e os matadoiros como referencia toponímica

En primeiro lugar debemos excluír algúns que só aparentemente teñen que ver coas feiras [122], tal e como xa queda dito atrás.

Feira ou **A Feira**. Nomes de doce lugares habitados [123], por motivos evidentes. Pero tamén é microtopónimo doutras ducias de lugares, que hoxe aínda están insuficientemente rexistrados: máis dun terzo dos concellos de Galicia teñen ou tiveron feira. Tal é o caso da *Feira de Santa Susana* (no coto central da Alameda en Compostela) que en 1971 se trasladou ó Mercado de Salgueiriños e en 1998 ás instalacións de Amio.

Campo da Feira, en Santiago do Deán ou O Castelo (A Pobra do Caramiñal).

O Campo da Feira, en Rus (Carballo), en Cerceda, en Taragoña (Rianxo), en Santa Comba, en Bembibre (Val do Dubra), en Mezonzo (Vilasantar), en Bamiro (Vimianzo), en Guimarei (Friol), en Roimil (Friol), en Vilarmosteiro (O Páramo), en Lousada e mais en Momán (Xermade), na Mezquita e en Salvaterra de Miño.

A Feira de Berdillo. Lugar de Artes (Carballo).

---

[117] *recipit monasterium Ursarie in hoc casali unum bovem et unam iuvencam, unam porcam et unam capram de populantia et mihil magis.*

[118] Armental en Pravio (Cambre), en Posmarcos (A Pobra de Caramiñal), en Donalbai (Begonte), en Gomelle (Guntín), en Castillón (Pantón) e en Armental (A Peroxa).

[119] Tamén e nome dun regueiro na Peroxa pero é sabido que os ríos pequenos toman o nome do lugar no que nacen ou por onde pasan, tendo, por veces, nomes cambiantes.

[120] Xa o P. Sarmiento (FMS: 93r. ed. Pensado 175) dicía *Armenteira toma el nombre de armenta por los ganados.*

[121] FCQ:44.

[122] *Feirobal* na Pumarega (Castroverde) e outro en Esgos teñen que ver probablemente con *foveum lupale ~ fogium lupale* ("lugar onde hai ou houbo un foxo para caza-lo lobo") (AML).

[123] *A Feira* en Loiba e en Mera de Abaixo e mais en San Claudio (Ortigueira), en Cebreiro (O Pino), en Santiago de Gaioso (Outeiro de Rei), en Couso (Gondomar), en Moreira (Ponteareas), en Río (Rodeiro), en Entenza e mais en Santa María de Salceda (Salceda de Caselas), en Corzáns (Salvaterra de Miño) e en Cabral (Vigo).

A Feira do Monte. Lugar de Sistallo (Cospeito).

A Feira do Trece. Lugar en Sedes (Narón), que debe o nome a que nese día alí se realiza a feira. Actualmente a xente xa di que *vai ó Trece* ou que *vive no Trece*.

A Feira Nova. Nome de cinco lugares [124]. Hai outro, que non figura no Nomenclátor, preto de Xinzo e no que se celebra a feira os días 14 e 28.

A Feira Vella. Lugar da parroquia de Gález (Entrimo).

O Feirón. Lugar en Parada das Achas (A Cañiza).

As Casas da Feira. Lugar en Cotá (Friol).

O Monte da Feira. Lugar en Vilouriz (Toques).

O Souto da Feira. Lugar en Vieiro (Viveiro).

Tras da Feira. Lugar en Galdo (Viveiro).

O Toural, por ir precedido dun artigo, debe referirse a algo aínda identificable e transparente (neste caso, lugar onde hai ou se concentran eses animais), como acontece co *Pombal* (pombas) e con *Cabral* (cabras). Este topónimo dá nome a diversos lugares de Galicia [125] e, deles, destacámo-lo *Toural* da parroquia de Armental (Vilasantar), porque *Armental* ten que ver co gando. No sueste de Galicia *o toural* é palabra común e viva co significado de "campo no que se celebra a feira do gando": CGG anótao na Mezquita e en Vilardevós; A. Fraguas (GEG: s.v. feira) anótao no Castro Caldelas; X. Lorenzo na Limia Baixa [126]: *Adios, Toural de Lubeira, / tan solo tes catro casas; / nelas queda a miña vida, /consolo da miña ialma* (LimiaB:48). E en Maceda houbo en tempos nun campo grande, *O Toural das ovellas* (a zona onde se vendían as ovellas), *O Toural dos porcos* (onde se vendían os porcos) e *O Toural* a secas (onde se vendían as vacas) e que hoxe segue sendo unha praza pública. Quere dicir que *O Toural* significa nesa parte de Galicia "campo da feira" que por metonimia se estende a outros animais.

Con todo algúns estudosos, como veremos en 15.2.13, incúen este topónimo entre os que significan "altura, elevación" porque con ese significado había un *torale* (que significa "coto, montiño") e sospeitan que o noso *Toural* podería ser unha regaleguización. Vicente Feijoo Ares, estudoso da microtoponimia do sueste ourensán, certificanos que nesa zona coñece diferentes *Tourais* e ningún deles é zona elevada; e que de 42 rexistrados na microtoponimia na que traballa só un designa un monte; e outro, un penedo: todos son terras cultivadas ou partes dun núcleo habitado. Santiago de Compostela ten unha *Praza do Toural* (antigamente *Toural de Faxeiras*) que caía fóra do primeiro recinto amurallado pero dentro do segundo; desta praza tense dito que en tempos foi o lugar da feira do gando e mesmo dalgunha corrida, aínda que quen di isto último (PPC:307) parece dubidalo noutra páxina do mesmo libro (PPC:421): véxase o que disto dicimos en 11.7.4. ó falarmos das corridas de touros en Santiago. En calquera caso, *O Toural* de Santiago non é un lugar elevado, senón unha das partes máis baixas da antiga cidade. Nas zonas próximas a Allariz temos noticia de que nalgunhas parroquias ou mesmo lugares (que, naturalmente, non teñen feira de gando), hai un sitio chamado *O Toural* que, segundo din os veciños, era o lugar onde se axuntaba o gando para trasladalo a pé ou en camión a unha feira. Rivas Quintas tamén o considera topónimo bovino (ERQ6:419). É posible que esta sexa unha palabra creada xa na lingua galega [127]. En Portugal tamén hai lugares que se denominan *Tourais* e *Toural* (DMA:79). Para nós é un topónimo bovino [128].

Corredoira, Corredoura, Corredeira. Citamos aquí estes topónimos con reservas, porque designan

---

[124] En Coristanco, en Leiloio (Malpica de Bergantiños), en Güín (Bande), en Brántega (Agolada) e en Rubiáns (Vilagarcía de Arousa). *A Feiranova*, en Santaballa (Vilalba).

[125] En Rodís (Cerceda), no Araño (Rianxo), en Armental (Vilasantar) e en Meira (Moaña).

[126] *Castro* ou *Coroa de Toural* é nome dun monte e castro en Paradela. Xaquín Lorenzo descríbeo así: *Barrio do lugar da Vila, na parroquia de San Vicente de Lobeira. É onde se fan as feiras do gado e de ehí o seu nome. Esta mesma desiñación de 'Toural' atópase noutros lugares e ten o mesmo senso que o castelán 'cuadropea' ou 'cuatropea', anque en Castela teña esimesmo o siñificado de un imposto sobor do gado* (LimiaB:295, s.v. *toural*). Lémbrese que, segundo o DRAE, *cuadropea* ou *cuatropea* procede do latín *quadrupĕdia*, cos significados de "1. f. Derecho de alcabala por la venta de caballerías en los mercados. // 2. f. Bestia de cuatro pies. // 3. f. Lugar de una feria donde se vende el ganado".

[127] Non demos con probas definitivas de que este significado de "feira do gando" o tivese xa na Idade Media latina a previsible palabra latina orixinaria *taurale.* Nun documento de Samos datado entre 1010 e 1056 aparece un *Taurale,* que posiblemente é Toral de los Vados (León). Nun documento de 1171 de Lugo fálase da destrución da *ecclesiam sanctae Mariae de Toral in territoria de Ventosa.* Non é posible identificala porque Santa María de Toural só a hai en Cambre pero non é da diocese de Lugo. Nesta diocese só hai *O Toural*, lugar de S. Estevo de Rivas de Miño (O Saviñao). Canto ó territorio lugués de *Ventosa* só hai parroquia en Agolada e lugares en Navia de Suarna e en Ribas de Sil.

[128] E, postos a dubidar, habería que incluír entre as hipóteses a de que os topónimos latinos medievais *Torale, Torallum* fosen restos do nome xermánico **Teuderaldo* (*Toraldiz, Toraldi, Teraldus*) que poderían dar primeiro **Toral* con posterior galeguización por falsa etimoloxía en *Toural*.

habitualmente un camiño. Pero parece que nalgúns lugares (como é o caso de Tui) designaba o lugar, á entrada da vila, no que se celebraba unha feira de gando e se facía corre-lo gando equino como proba previa á súa compra [129]. Se isto é así, é verosímil que nese mesmo lugar se vendese tamén gando bovino porque non esquecemos que o gando bovino tamén se facía andar antes da compra, como vimos en 3.2.14. *Gando con problemas na marcha*. Algún destes lugares, integrado xa no núcleo urbano, correu castelanizado en *Corredera*, e hoxe *Corredeira*.

Dos matadoiros non hai toponimia transparente; pero, se cadra, a antigos matadoiros refírense topónimos como **O Banco** (lugar de Abavides, Trasmiras, OU) e tamén **Os Blancos** (concello de Ourense, e tamén lugares en Bascoi -Mesía- e en Luneda -A Cañiza-) dado que tanto *banco* coma *branco* aparecen na documentación medieval usados co valor de cortadorías (XVS:305-306). Unha remota posibilidade podería haber no caso de *Sacardebois* (visto en 15.1.4.).

15.2.10. O traballo do gando como referencia toponímica

A Arada. Lugares en Fisteus (Curtis) e en Landrove (Viveiro). Tamén **Arada** en Monterroso e **Aradas** na Peregrina (Santiago de Compostela).

Vesada. Topónimo frecuente na microtoponimia e que indica terras de labradío e que nalgúns casos deu nome a aldeas próximas: *Vesada* en Cabral e en Candeán (Vigo), e **A Vesada**, en Abeledo (Abadín), en Feás (Boborás) e en Alxén (Salvaterra de Miño). Procede do latín *terra versata* (*versare*, "dar volta [á terra], labrar, roturar"). Algúns dicionarios aínda recollen a palabra *vesar* co significado de "labra-la terra abrindo sucos profundos" e, dende logo, de aí vén o nome do *vesadoiro*, arado forte, axeitado para roturar ou *vesar* terras pesadas. A *vesada*, polo tanto, é un campo que se ara (ou araba) con bois ou vacas e que, en certos casos, deu nome á aldea creada á beira.

A Vesadiña. Diminutivo da *vesada.* Aldea en Leirado e Oleiros (Salvaterra de Miño). Tamén é microtóponimo en diferentes lugares, coma Grixó en Lamas (Moraña). Posiblemente tamén formen parte deste grupo algúns outros topónimos con diferente grafía (**Avesada**, **Avesadas** e **As Avesadas**).

15.2.11. Topónimos referentes ó curtido das peles

En Galicia houbo unha importante actividade de curtido de peles que probablemente estaba dispersa e tiña carácter artesanal, aínda que case tódalas cidades tiñan fóra de portas un centro de traballo do coiro algo máis industrial: coñecemos documentación fidedigna desta actividade en Santiago, Noia e Allariz pero parece que tamén a houbo na Coruña, Lugo e Ourense. Como xa dixemos, o curtido da pel de vaca é indispensable, como mínimo, para fabricar calzado, cintos, os apeares ou piogas, o arcoxo, o estrobo ou loro ou timoeiro, as milfeiras, os arreos dos cabalos etc. Algúns deles chegaron a quedar na toponimia [130].

A Coiramia. Na Coruña, fóra de portas, había esta industria, da que ata hai pouco quedaba memoria no Nomenclátor. Aproveitaban un curso de auga que a mediados do século XX aínda corría polo medio e medio da rúa que conservaba o nome e que hoxe vai entubado [131]. En 1589 cando Drake e Norris asedian a cidade da Coruña, as tropas inglesas no seu saqueo chegan "hasta a llevar los cueros

---

[129] http://tudensia.blogspot.com/2009/03/o-paseo-da-corredera-unha-hipotese.html [21.10.2009].

[130] Algúns queren incluír *O Pelete* (A Lama), lugar que conserva un carballo considerado milenario, sabendo que a casca moída dos carballos é un dos elementos esenciais para o curtido das peles. O topónimo suxire a pel e os peleteiros pero non demos atopado memoria de que precisamente alí houbese algunha vez un curtidoiro.

[131] *Nací en la calle de la Coiramia, llamada poco después de San Vicente, que entonces estaba sin asfaltar y por la que pasaba un pequeño arroyo, por lo que en invierno no había quien pasara por ella sin ponerse perdido de barro. Mi familia era humilde, como todas las de la zona, en la que mis padres, José y Lola, tenían cinco hijos: José, Loli, Mariví y Menchi, a los que me sumaba yo, que era el segundo por la edad. Pertenezco a la generación del año 52 de mi calle...,* (http://blog.laopinioncoruna.es/laciudadquevivi/2008/05/04/el-yudoca-de-a-coiramia/[4.05.2008]. *Parrumeira o da Coiramia* (San Jorge de Afuera), extraído do *Índice de fincas rústicas de la Contaduría de Hipotecas de La Coruña* (http://www.celtiberia.net/articulo.asp?id=3149) [30.1.2008].
Falando en concreto da cidade da Coruña, paulatinamente fóronse perdendo a maioría dos topónimos tradicionais, substituídos por nomes que nalgún caso crean polémica: por ex., quen sabe que a rúa de Ramón Cabanillas se chamaba A Coiramia porque existía un río (hoxe entubado) con varias curtidoiros de pel? *Seguro que o gran poeta se remexe na tumba ante esta desfeita*. Turista en http://www.mesoiro.com/foro/viewtopic.php?p=7452&sid=177b9838ebdffb2fe86a913a022caddf [15.11.2005].

de los pelantres" (AMS1: 82). En 1752 o Catastro de Ensenada anota na Coruña polo menos seis curtidoiros [132].

Pelamio. Lugar de Farnadeiros (O Corgo). En Santiago de Compostela aínda hoxe se chama **Os Pelamios** o barrio próximo ó Auditorio de Galicia onde estivo ata non hai moito tempo un importante curtidoiro. *Pelamio* aínda hoxe é palabra común que significa "curtidoiro".

Peliceira. Lugar de Rao (Navia de Suarna).

Tanoira. Lugar de Padrenda (Meaño). Para ERG e XLFG *tanoira* é precisamente unha palabra viva co único significado de curtidoiro.

Tinería. Barrio en Lugo onde debeu de esta-la industria local pero tamén hai constancia dun par de centros máis na vaganta do río Rato, ó pé da Ponte da Chanca (a do tren), e tamén, non lonxe, na beira do Fervedoira [133].

Atán. Como palabra común é para Carré Alvarellos un curtidoiro. Posiblemente como topónimo tamén o sexa. De ser certo, habería que considerar **Atán** en Pantón e en Mazaricos e **Atás** en Cualedro.

A Vacariza. Véxase 15.2.4. Segundo XFV2 e outros lexicógrafos posteriores *vacariza* é un curtidoiro, lugar onde se curten os pelexos. Parécenos dubidosa a existencia real desta acepción, tal como xa dixemos en 6.4.2.1. (s.v. *vacariz* 5565).

Dado que *goldra* con *goldros, goldrón, goldreiro* forman parte do léxico do curtido, podería ser que **A Goldra** en Mañufe (Gondomar) tivese que ver con esta actividade; *goldreiro* é, por exemplo, o nome do curtidor en Allariz onde houbo industria de curtido.

Tendo en conta que *lagaíñas* significa, segundo ERG e XLFG, curtidoiro, é posible que poidan ser indicio de antiga actividade curtidora algúns lugares que se chamen *Laga* ou derivados, se non hai aí lagoas nin son prados moi húmedos e tampouco son lugares nos que se alagaba o liño.

Para **Coiro, Coira, A Coira, O Coiral, Coirados, Coiradas, Coirón e Coirós** véxase o que diremos en 15.2.13.1.

15.2.12. Topónimos con crenzas ou ritos

Bois de Gures. Illotes situados preto da enseada coruñesa de Ézaro. A tradición local di que son a petrificación da única parella de bois que se salvou do asulagamento da cidade de Duio. Despois de afundirse Duio, eses bois, que pertencían a un veciño de Gures ou que se chamaba Gures, andaron errantes varios días ata que afogaron no mar e agora son os tales illotes na ria (UCA3: VI,249; XTC1:182; ERG:boi; FCQ:74). Gures é tamén nome dun lugar da parroquia da Ameixenda (Cee) [134] e do regueiro que nela ve o mar, da praia que hai alí e dunha punta que separa as praias de Gures e de Caneliñas.

Corno do Demo. Petouto granítico na eminencia máis meriodinal da Serra do Galiñeiro, no monte dos Arruídos (Vincios, Gondomar). Méndez Ferrín recolleu a lenda dunha cova que alí existe: disque alí vivía unha serpe (ou dragón, ou Melusina, ou Coca) que lle comía o gando ós veciños das aldeas do Galiñeiro e, para amansala, tiñan que lle levar canados de leite e acenderlle cirios. Aínda hoxe chaman a esta cova a *Igrexa da Becha* (XLMF). Hoxe pódense encontrar polo chan tetrabriques que son restos das ofrendas contemporáneas (XLMF3). Lémbrese tamén o que dixemos en 12.1.9.10 da oferta de leite a certos penedos con capacidade de devolver á muller a súa fertilidade.

A Pastoriza, topónimo xa visto en 15.2.4. Co nome de **Pastoriza** hai unha parroquia de Arteixo coa seguinte lenda etiolóxica:

> *Disque que en tempos houbo alí unha das máis antigas igrexas galegas que destruíron os mouros ou os normandos (non se sabe ben); pero que alguén salvou do arraso a imaxe da Virxe e agachouna tanto que se perdeu a memoria de onde estaba. Continúa a tradición local dicindo que dunha vez unha rapaza que andaba coa súa vaca na pastoriza viu un lume no curuto e que non lle fixo caso, ata que o feito se repetiu máis días e acabou*

[132] Especifícase que son empresarios e que perciben ingresos pola plusvalía (*utilidades*) que lles deixan os empregados, por curtidores e por tratantes en coiros. Son estes: Rafael de Casas (3.290 reais de ingresos /ano), Manuel Francisco Varela (3.280), Antonio de Casas (2.910), Andres de Casas (3.090), Francisco Gómez de Casas (1.460) e Thomé de Casas (2.890) (BB: 191-194).

[133] Debemos esta información a Felipe Arias Vilas.

[134] ERG (s.v. boi) di que Gures é parroquia de Corcubión pero realmente é lugar da parroquia da Ameixenda (Cee).

contándoo na casa. Foron aló os veciños, buscaron e atoparon a imaxe da Nosa Señora nun oco dunha pena grande, que aínda hoxe lle chaman O berce da Virxen. A tradición remata dicindo que se fundou unha nova igrexa e que así empezou a actual romaxe á Virxe da Pastoriza [135].

Pena do Boi Louro. Lugar na parroquia de Augas Santas, no concello de Palas de Rei. Ten unha tradición que contan así:

Parece que houbo un encanto, falaban dun encanto, e que era un, un boi neghro encantao, e, nunha pena que hai aquí arriba, e por eso quedou, as casas máis cerca eran aquí, e Pena do Boi Louro, e, ie ten o nombre, eu, eu, a min chámanme en tódolos sitios Pena Loura por non, Pena Loura. Pero o propio nome de, do torritorio, o propio nombre meu é o que paghei, pero o nombre deste sitio: Pena do Boi Louro, fálase máis rápido Pena Loura, Pena Loura, Pena Loura (XPP:119).

Pozo da Vaca. Así o describe Rivas Quintas:

Na bisbarra [A Limia] temos dúas lagoas: a do Bión e a do Medo. No Bión –témolo oído dende ben pequenos- hai dúas cidades asulagadas: Antioca e Antioquía. De inverno, cando o vento zoa pola noite arriba, ven a cabalo do ar algunha que outra badelada perdida, coma de campás na auga. De vrau, cando se some a auga, aínda é posíbel ver o galiño e a agulla da torre; máis non. Tan crido eu estaba de pequeno que, dunha vez; andaba polos oito anos; cheguei co gado, soio por velo, deica o Pozo Grande. Os de Casasoá e Bustelo din que esto é no Pozo da Vaca. Indo elí día de San Xoán, á mañá cedo, vese na auga a pontiña da torre de Antioquía (Lim6:623).

Río de Bois. Nace no monte da Miñota en Samieira (Poio) e baixa cara ó mar por San Xoán de Poio e nos mapas aparece, ás veces, como *Rego do Pereiro*. Os vellos dicían (etimoloxía popular), que se chama así porque na súa canle hai enterrado un misterioso boi de ouro no camiño que vai á Renda e ó Xubiño (BAC2: 212).

Xuvencos. Este nome que levan dúas parroquias (unha no Saviñao, na que existe un lugar co mesmo nome, e outra en Boborás) é case o puro latín *iuvencos* "novelos, becerros". Na parroquia de Boborás existe un lugar co nome de **O Penedo de Xuvencos**. Este topónimo é tan transparente que Santa María de Xuvencos, padroa de Boborás xunto con Santa Isabel, considérase protectora do gando vacún e entre os gandeiros da zona existe o costume de levarlle as aguilladas para que as bendiga, así como outros obxectos relacionados co gando e que estarán en contacto con el.

15.2.13. Topónimos aparentemente bovinos pero que non sempre o son ou non a todos llelo parecen

Para rematar este capítulo, imos comentar algúns topónimos que hoxe cadran coa palabra común *touro* ou parece que derivan dela e, polo tanto, non só parecen aludir ó gando bovino de maneira indiscutible senón que, nalgúns casos deron lugar a que na heráldica aparecesen bovinos. Temos que rescatar aquí a diferenza entre significado orixinal e significado actual, da que falamos na epígrafe 15.1. Ímolos analizar dunha maneira matizada pero comprensible.

Touro, Tourón, Touriño, Touriñán, Touriñao, O Tourado, O Touredo, Toro, Toralla, Torallo, Torán, Toransiño, Tourelle, Berbetouros... Aínda que estes topónimos parecen aludir de forma case transparente ós bovinos, algúns especialistas afirman que ningún deles naceu da palabra latina *taurum* e que, baixo a aparencia latina, todos proceden de raíces prerromanas co significado de "monte"[136].

¿En que se basean para considerar nomes de montes (orónimos) os topónimos que levan a raíz *tour-* ou *tor-?* En dous motivos. O primeiro, especificamente galego: en Galicia, coma en todas partes, razóns prácticas aconsellaron sempre capa-los machos para disminuírlle-la natural agresividade e así podelos xunguir e utilizalos como forza tractora na agricultura e no transporte; o habitual

[135] *Pastorica* é probablemente unha grafía por *Pastoriça*, polo tanto fai ben Carré Aldao en escribir que "*El nombre de Pastoriza no proviene, como insinua alguien, de pastorcita, si no albergue de pastores, que eso significa el vocablo ... Puede tambien venir de pasturar, 'apacentar'* (UCA3:V,703-709).

[136] Véxanse EBas2:233-253 e, máis divulgativo, FCQ:473. Rivas Quintas considérao topónimo bovino (ERQ6: 419).

foi sempre que un único semental cubrise tódalas vacas dunha pequena comarca [137] e tampouco houbo tradición de criar touros especialmente bravos para lidalos; aínda que os nosos documentos medievais en latín aínda distinguen os *tauros* dos *boves,* hoxe a palabra *touro* para referirse ó bovino macho é infrecuentísima entre nós [138] (nós chamamos *boi* tanto ó macho enteiro coma ó capado). A consecuencia de todo isto é que non resulta moi verosímil que unha palabra inusual en Galicia servise para dar nome a tantos lugares.

O segundo argumento apela á presunta coherencia coa toponimia internacional: hai xa moito tempo que investigadores estranxeiros detectaron a sorprendente coincidencia de que dende o Cáucaso ó Atlántico aparezan topónimos que parecen vir dunha raíz **Taur - / *Tur-* dando nome a algúns montes, elevacións do terreo (e mesmo illas, illotes ou puntas rochosas que se elevan sobre o mar). No Glosario medieval de Du Cange encontramos *Toro, Toronus, Torus, Turo*, *Turonus* co valor de "coto, monte de cumio redondeado" [139] e tamén *Torale* [140] e *Torallum* [141] co mesmo valor.

A estas raíces apelan o catalán *Turó* e mailo occitano *Toron,* que designan cotos ou montes de cumio algo redondeado [142].

¿Pode isto aparecer na toponimia galega? Edelmiro Bascuas, que é quen entre nós máis estudou este asunto, di que si. Que, polo de pronto, de aí deben de vir *Alto de Tor* [143], *Toralla* [144], *Torallo* [145], *Torán* [146] e *Toransiño* [147]; os lugares elevados que se chaman *Toro* con o pechado: *Toro* (lugar e parroquia en Laza) (EBas2:233-253 [148]), ó que nós lle engadimos *Chan do Toro* (tamén con o pechado, en Caritel).

Establecido isto, algúns sosteñen que os *Toro, Toronus, Torale, Torallum*, que en galego tiñan que dar **Toro, *Torón* e **Toral* deberon padecer algunha destas tres manipulacións. A primeira, xa nos documentos medievais latinos: como a transformación de *aur-* en *or-* era un vulgarismo que xa detectaba e corrixía a escola romana (dígase *auricula,* non *oricla*), por hipercorrección -afirman- algún *Torus* converteuse en *Taurus* nos documentos medievais latinos. A segunda, nos documentos galegos: ó considerar que **Toro, *Torón* e **Toral* eran estraños á fonética galega, -afirman- a xente acabounas galeguizando en *Touro, Tourón* e *Toural*; tamén neste caso sería unha hipercorreción. E unha terceira produciríase recentemente: o topónimo *Toro* sobreviviu sen cambiarse en *Touro,* mantívose co o tónico pechado pero nos últimos tempos pola presión mediática dos espectáculos tauromáquicos acabou facendo aberto ese o tónico, tal como se sente cando os casteláns falan "de toros". Resumindo

a forma medieval ***torus***		
relatinizouse producindo	galeguizouse producindo	castelanizouse producindo
taurus	***touro***	***toro*** con o tónico aberto

Todas estas tres manipulacións coinciden en fabricar unha forma deturpada, aínda que a intención do deturpador sexa ofrecer unha forma que a el lle parece que debe de se-la correcta. É o que chamamos ultracorrección, da que falamos na epígrafe 15.1.

---

[137] Nos testamentos e doazóns medievais un certo número de vacas levan o seu boi semental. As proporcións varían: 30/1 nun documento de San Clodio de 928: *vacas triginta cum suo tauro, iugos de boves quatuor* ("trinta vacas co seu touro e catro xugadas de bois"); 50/1: noutro de 969 de Lourenzá: *per tres bustos centum & quinquaginta vaccas maiores cum tres tauros*; 21/1 noutro de 989 de Sobrado: *uaccas etiam XXI cum suo tauro*; 10/1 nun de 1005 de Santigo: *uacas .X. cum suo tauro.*

[138] O uso da palabra *touro* case se limita ás Cantigas de Santa María, segundo informa o DdDGM: CSM 47 "*en figura de touro... ben como touro faz*" (24, 25); 144 "*dun touro... touros trager mandou*" (v. 2, 27).

[139] *TORO, TORONUS, TORUS, TURO, TURONUS, Collis cacuminatu , et rotundus* (DuCange).

[140] *TORALE 2. Idem forte quod Toro, Collis, monticulus* (DuCange).

[141] *TORALLUM, Eadem, ut videtur, notione, ac Torale 2* (DuCange).

[142] Corominas di que o *turó* é de punta máis estreita cá da *tossa* pero máis redonda cá do *puig* ou *pic.*

[143] Monte e parroquia en Monforte.

[144] Illa na ría de Vigo, na parroquia de Coruxo.

[145] Aldea en Agüeiro (Becerreá).

[146] Illote próximo a Aguiño, Ribeira.

[147] Pedra situada ó noroeste do illote anterior.

[148] E engade que esas mesmas raíces tamén deron nome a ríos, porque, á fin de contas, os ríos nacen en zonas montañosas: nos Alpes hai un *monte Turia* e en España un *río Turia.*

Este tipo de manipulacións é certo que se dan, e nelas apóianse os que hoxe sosteñen que os *Touros, Tourais* e *Touróns* da toponimia galega son formas manipuladas, mesmo se aparecen en documentos medievais latinos, e que, polo tanto non teñen nada que ver co boi. Para eles non son topónimos referentes a animais (zootopónimos) senón nomes de montes ou de elevacións do terreo (orónimos).

¿Cal é a nosa idea? Concordamos en que os topónimos que estamos examinando posiblemente sexan orónimos (nomes de montes) e non zoónimos (nomes de animais) pero só cando eses topónimos designan montes [149] e cando se pronuncian con o cerrado. Tamén é posible que os conceptos de boi e de monte se mesturasen dado que o boi é o animal doméstico máis voluminoso [150]. Pero temos que facer tres observacións.

Primeira. Fóra dos casos mentados no parágrafo anterior, tamén é posible que os *Torus* e derivados que aparecen nos documentos e glosarios medievais latinos sexan resultado do cambio *aur- > or-* que está ben documentado [151].

Segunda. Non estamos estamos seguros de que esa hipótese garde en tódolos casos as cautelas que describimos en 15.1.2 e 15.1.3, porque, cando se analiza unha extensión territorial tan ampla (do Cáucaso ó Atlántico), estamos falando dunha extensión xeográfica inmensa e dun número de linguas actuais e históricas enorme; isto significa que non hai seguranza de que esteamos vendo eses topónimos, máis ou menos homófonos, na súa grafía orixinal e tampouco é seguro que coñezámolas regras evolutivas de tódalas linguas implicadas. Poñamos un caso hipotético: simplemente con que nalgunha desas linguas funcionase a caída do ese intervocálico ou o rotacismo (dous fenómenos moi frecuentes) eses *Tauros* caucásicos de hoxe virían ou dun **Tasuro* ou dun **Tauso,* co que a comparación cos nosos *Touros* deixaría de ter sentido: sen ir máis lonxe, a forma céltica de *tauros* é *tarvos* e isto xa dá lugar a palabras moi diferentes [152]. Sería o mesmo caso da falsa parentela do *Samos* de Lugo coa illa grega de *Samos* (15.1.1.).

Terceira. Noutros casos a explicación xermánica ou latina non está descartada e polo tanto para nós é máis sólida (cautela 15.1.4). Vexámo-lo caso de *Touredo* [153]: as terminacións *–edo /-ido* de topónimos como *Carballedo, Olmedo, Freixedo, Louredo, Biduedo* e *Carballido, Freixido, Lourido, Biduído* indican lugar no que son abundantes (*-edo*) ou características (*-ido*) árbores como os carballos, olmos, freixos, loureiros ou bidueiros; o mesmo se di de *Penedo, Laxedo, Penido, Pedrido, Seixido, Lapido* que poderían indicar abundancia de diferentes tipos de grandes pedras. Pero, se ese sufixo abundancial *-edo / -ido* combina con plantas ou pedras, non é habitual que combinen con nomes de animais [154]; polo tanto, o zoónimo (que significaría "lugar no que abundan os touros") si que parece descartado. Pero, a pesar de levar artigo, e dado que alterna con *Turedo,* para nós é un topónimo xermánico que garda o nome do antigo posesor do lugar, *Teuderedo* [155] e isto faría este topónimo da familia doutros tamén xermánicos (*Tourío* [156] , *Tourís* [157] e mesmo *Toiriz*).

---

[149] *O Tourado* en Zas é unha elevación en pico de 437 m. Tamén hai A *Tourada* en Vilalonga (Sanxenxo).

[150] Case todo o que é prerromano é hipotético e, polo tanto, tan arriscado é afirmar coma contradicir. Pero, se cadra, non estaba de máis lembrar que *grande coma un touro* e *grande coma un monte* eran comparacións vivas no mundo antigo e igual houbo algunha trasposición entre referentes (**un monte coma un touro*) do mesmo xeito que Virxilio na Eneida dixo que o cabalo de Troia era un cabalo grande coma un monte (*instar montis ... equum*).

[151] Xa no *Appendix Probi*, listado escolar romano de palabras incorrectas, se prescribe que había que dicir *auris non oricla*. E no propio galego onde *au > ou,* hai evolucións coma *Lauri > Lor, Villam Mauri > Vilamor, Maurecati > Morgade.*

[152] Tense dito, en apoio desta afirmación, que en celta *tauros* transformouse en *tarvos* e que de aí proceden *Tarvisium* (hoxe *Treviso*) e *Tarbes*; mentres que en Frankfurt hai o monte *Taunus* (con cambio *r > n*) e que dese cambio derivan nomes de ríos coma o *Taunicus* que hoxe perviven na forma *Tenu* e da mesma raíz procede o *Tenarre*. Carlos Búa, fonte que nos parece máis fiable, dinos que nas linguas celtas documéntase tanto **tarwo-* (con metátese, tal vez analóxica) como a primitiva **tauro-*; pero que non é admisible ese presunto cambio **tauro- > tauno-*.

[153] Nome de tres lugares: na parroquia de Luneda (A Cañiza), de Bóveda e de Saavedra (Begonte). Poderían, quizais, ser zoónimos abundanciais coma *Osedo* e *Culleredo.*

[154] Os únicos casos posibles nos que ese sufixo podería combinar con nome de animal son *Coruxedo, Ameixedo, Albaredo, Teixedo* pero non é doado discriminalo; e no caso de *Coruxedo* e *Ameixedo* non parece posible que se refiran ós animais marítimos coruxo e ameixa, senón á curuxa (ave) e á ameixa (froita) porque se localizan todos en zonas do interior de Galicia.

[155] O que nos sorprende é que exista o que parece un abundancial, *O Touredal,* lugar da parroquia de Santa Locaia, Castro de Rei. Rivas Quintas considérao topónimo bovino (ERQ6:419).

[156] Aldea de Queixas, Cerceda. Posiblemente teña a mesma orixe ca *Touriño*, aínda que con perda da nasal intervocálica.

[157] *Tourís:* aldeas de Luaña, Brión e de Sorribas, Rois. *Tourís Novo,* illote na enseada do Vao (O Grove). *Touredo* e *Tourís* son perfectamente explicables como xermánicos dende nomes como *Teuderedo* e *Teuderico.*

Quedan palabras difíciles, coma *Tourón* [158], *Tourel* [159] e *Berbetouros* [160] que posiblemente non teñan nada que ver co gando.

Touro, Pena de Touro, O Toural e Touriñán

Bascuas tamén considera orónimos San Xoán de *Touro* (situado nun vértice xeodésico de 462 m de altura [161]), *Touro* (lugar, praia e punta en Ribeira que é un acantilado rochoso), *Touro da Mercede* illote na praia da Mercede, no Caramiñal e posiblemente *Pena do Touro* onde di que é posible que se estea reinterpretando en molde latino un topónimo prerromano.

A nós, neste caso, e polas razóns expostas, parécennos bovinos. E a todo o dito temos que engadir tres razóns: primeira, que non sempre eses mesmos topónimos designan unha elevación do terreo senón case mesmo o contrario; segunda, que, cando van precedidos do artigo (*O Toural*) son claramente sentidos como nomes comúns e transparentes e, polo tanto, como bovinos; e, terceira, que, dado que o propio latín tendía a converter en *o* o ditongo *au* ante *-r* (*aur- > or*), tampouco podemos excluír que os *Torum* e *Toralem* que aparecen nos documentos medievais latinos non fosen orixinalmente *Taurum, Taurale*.

En Portugal tamén hai lugares que se denominan *Tourinha*, *Tourinhas*, *Tourinho*, *Tourões* e *Touros* (DMA:76).

Do **Toural** xa falamos en 15.2.9. e para nós é un topónimo bovino.

O caso de **Touriño** [162], **Touriñán** [163] e **Touriñao** [164] é algo diferente. Aquí, para nós, hai referencia á bovinos pero é unha referencia primitiva, indirecta e remota, porque esa relación de derivación non se estableceu na lingua galega senón na latina. Parécenos que dificilmente se pode negar que derivan de *Taurinus* e *Taurinianus,* antropónimos latinos tanto pola raíz (*Taur-*) coma polos sufixos (*–inus,* e *–inianus*) ben documentados por Kajanto (IK:329). Moito máis verosímil é que se convertesen en nomes de posesores, dos que hai centos de exemplos paralelos na toponimia galega, perfectamente documentados, que darlle a consideración de nomes prerromanos de montes.

Como dixemos no inicio deste capítulo (15.1.5.), a consideración de topónimo prerromano reservámola para aqueles casos nos que a explicación latina está totalmente descartada e nestes cinco topónimos (*Touro, Pena do Touro, O Toural, Touriño* e *Touriñán*) nin está descartada nin nos parece que a explicación prerromana estea máis xustificada.

É certo que o cabo Touriñán, como di E. Bascuas, é un sitio agreste e que, nesas circunstancias, é inverosímil que esteamos ante o nome do posesor dunha explotación agropecuaria (*villa*). A nós parécenos que esquence que Touriñán non só é o nome do cabo senón tamén o de toda a parroquia [165] e dunha aldea que goza dunha excelente situación e, aínda hoxe, dunha terra feraz para o gando, situada en planicie que cae suavemente cara os dous mares que o cabo divide e aí precisamente Pescanova quixo situa-la maior piscifactoría do mundo. Se isto hoxe é así, non é inverosímil que, en época medieval, combinase esta actividade gandeira con algún tipo de rudimentaria industria pesqueira (pensamos nos secadeiros de congro da veciña Muxía), dado que na costa galega van aparecendo evidencias de actividades económicas vinculadas

---

[158] A palabra *tourón* no Riós, na Gudiña e no Caurel significa "terrón que se endureceu con sucesivas xeadas": *O terreno criou tourón con tantas geadas* (Gud2). Joseph M. Piel derivou *Tourón* dun nome medieval **Tauronius* e algúns situaron (coidamos que erroneamente) a antiga *Turoqua-Turaqua* no *Tourón* de Ponte Caldelas: en calquera caso nada ten que ver co boi. *Tourón* é aldea de Vilaquinte (Carballedo) e tamén de Melón; é lugar e parroquia en Ponte Caldelas e parece que unha aldea deste nome quedou baixo as augas do encoro dos Peares na parroquia de San Xoán da Cova (Carballedo). Corre tamén como apelido, que ten un touro dourado no seu escudo. E isto detecta pero non avala unha crenza etimolóxica e, por parte, tamén se podería referir a outro animal, segundo xa advertía FMS cando anotaba que esta palabra significaba dúas cousas: *1a. el toro padre; 2a. un animalejo silvestre, como hurón o ratón, en castellano Turón, cuyos pelos sirven para los pinceles; en gallego Tourón, y en latín Nitedula. ¿Si de tyros, queso?* Neste grupo iría tamén *Tourós*, lugar de Barxés (Muíños).

[159] Aldea da Hedrada en Parada de Sil

[160] Aldea e tamén parroquia en Palas de Rei. Non ten que ver cos touros senón con monte ou río, xa que en documentos latinos do século XII era *Belbetoros* e Bascuas interprétao como "(monte) Toro que da la vuelta, o brillante" (EBas2:238).

[161] Pero téñase en conta que noutras parroquias dese mesmo concello hai os lugares de *Bustelo* e *Corneda*.

[162] Aldea en Lanzós (Vilalba). É tamén apelido galego que leva no escudo un touro dourado. Trátase do mesmo topónimo có italiano *Torino*.

[163] Nome dunha parroquia en Muxía e dun cabo, o máis occidental de Galicia, nesa mesma parroquia. Algúns investigadores da nosa antigüidade identifican o promontorio das *Arae Sextii* dos romanos co cabo Touriñán, costa difícil de pasar para a navegación de baixura, como di a cantiga: *¡Santo Cristo de Fisterra, / santo da barba dourada, / axúdame a remontar /a Laxe de Touriñana!*

[164] *Touriñao de Abaixo* e *Touriñao de Arriba* son aldeas en Tiobre, Betanzos.

[165] San Martiño de Touriñán, que xa aparece nomeada nun documento de 1220 de Toxosoutos como *sancti Martino de Taurinaa.*

ó mar en época romana. Que isto foi así demóstrao o feito de que, cando no 942 san Rosendo funda e dota o mosteiro de Celanova, entre outras propiedades, dálle precisamente esta: *"*en Nemancos a península Touriñá" [166]; e calquera entende que non lle ía dar uns penedos carentes de valor económico; así que esa zona tivo que ser, xa daquela, estratéxica por algunha razón e haber un importante medio de vida que producise rendas para o afastado mosteiro de Celanova. Todo isto é coherente e independente de que hoxe Touriñán se coñeza máis por se-lo cabo máis occidental de Galicia e da España peninsular ca polo resto do territorio agrícola de terra adentro e todo á beira do mar. Para nós que *Touriñán* teña que ver cun antigo posesor é máis un problema arqueolóxico (investigación que aínda non se iniciou) que un problema filolóxico.

Polas mesmas razóns de raíz e sufixos latinos consideramos que **Tourelle** e **Tourille** son nomes de antigos posesores. *Tourelle* é aldea de Río (Láncara), de onde hoxe procede unha das marcas comerciais de leite galego (*Leite Río*); para nós debe derivar do antigo posesor (**Taurilius* < *Taurillus*), igual que *Tourille,* aldea da Veiga (A Bola). Aquí, coma no caso de *Touriño* e *Touriñán*, a vinculación co gando é secundaria ou primitiva, porque esa relación estableceuse no latín, onde era transparente, e non no galego, onde para a maioría dos falantes xa nin é perceptible.

15.2.13.1. Outros topónimos discutidos

Mencionaremos algúns outros topónimos que hoxe xa non son transparentes pero que para algúns indoeuropeístas tiveron algunha relación cos bois, cousa que afirmamos con cautela porque aínda hoxe segue sometida a debate (JJM: 221-223).

Bobadela e **Bóveda**. A pesar de que hoxe se escriba con dous bes, coidamos que o medieval *Bovatella,* que figura en documentos de Celanova do ano 885 [167] e do 1063 [168], debería se-la actual Bobadela de Celanova. Por parte, todo inclina a pensar que este *Bovatella* é o diminutivo de *Bovata,* que tamén encontramos, por exemplo, nun doc. de 942 [169] e que parece se-lo actual Bóveda, de Vilar de Barrio. Se estas identificacións son certas, temos que lembrar que na Idade Media *bovata* designaba aquela porción de terra que podería arar un boi ou, mellor, unha parella de bois (DuCange s.v. *Bouata*) [170] e, deste xeito, as oito *Bóvedas* que encontramos por Lugo, Ourense e A Coruña poderían ser na súa orixe topónimos bovinos; pero é certo que existen opinións diverxentes.

Houbo tamén un topónimo *Bovia*, frecuente na documentación medieval (*Boviam de Branna*, de Villarino).

Boado. Díxose que debería proceder do antropónimo medieval *Bovatus,* cun significado tamén de "rico en bois"; pero tería unha evolución diferente ós anteriores, por perde-la consoante medial (*Boado* non **Bovado*).

Búbal. Nome do río que conflúe co Sil e o Miño nos Peares e que na Idade Media era unha comarca que aparece como *Boval* en dous documentos (Ourense, 1242 [171]; e Oseira, 1257 [172]) e como *terra de Bovalo* noutro de Ourense de 1257 [173]. De ser esta a forma orixinal do actual *Búbal*, podería ter tamén orixe no antropónimo antigo *Bovalus* (quizais "rico en bois"). Pero as formas máis documentadas, con moita diferenza, son *Buval, terra de Buval* (documentos latinos dende o século IX ó XIV) e tamén no mesmo período *Bubal* e *terra de Bubal*. Isto fai difícil a relación cos bovinos.

Outros topónimos que excluímos son ***Coiro*** e ***Coira*** cos seus derivados [174], nomes de lugar pero tamén apelidos. A primeira vista *Coiro* e *Coira* (e posibles derivados) teñen que ver co gando, porque a

---

[166] *in Nemancos insula Tauriniana.*

[167] "Na vila que chaman Bovatella" (*in villa que dicent Bovatella*).

[168] "Polo termo que divide entre Orga e Bovatella" (*pro illo termino qui dividet inter Orga et Bovatella*): Orga e Bobadela son hoxe parroquias de Celanova.

[169] "En Armea, Bóveda e alí a igrexa de Santa María" (*in Armena, Bouata et eclesia ibidem Sancte Marie*).

[170] Lendo o Du Cange non temos claro se é a cantidade de terra que un boi ara habitualmente cada ano ou se é nun día. En Oviedo no séc. XVIII había unha medida de superficie que era o *día de bueyes* e que, polo visto, equivalía un rectángulo de 30 x 60 varas castelás (BB: 212).

[171] *Tenebat Boual donnus F. Pelagii.*

[172] *domno A. Castella, Legione; episcopo auriensi I. Didaci, archidiacono in Boval A. Petri. qui presentes fuerunt.*

[173] *Munio Fernandi de Rotario dedit eidem monasterio in terra de Bovalo.*

[174] *Coiro* en Paleo (Carral), en Mazaricos, na Laracha, en Soñeiro (Sada) e en Cangas. *Vilar de Coiro* en Mazaricos. *Coira* en Biduído (Ames), Monfero, en Nebra (O Porto do Son), en Laraño (Santiago), en Reis (Teo) e en Folgoso (Allariz); tamén é nome dunha praia no Porto do Son e dun monte en Marín (*Monte da Coira*). Establecidos estes poderían considerarse derivados *Coiras* en Piñor de Cea, *O Coiral* en Loreda (Cesuras), *Coirados* en Marín e *Coiradas* en Entíns (Outes). E posiblemente *Coirío, Coiroa, Coirón* e *Coirós.* Pero a cousa é complexa e non podemos afirmalo.

nosa palabra común *coiro* (e o feminino *coira* "pelexa") proceden do latín *corium,* palabra que aparece en diferentes documentos antigos, coma aquel curioso testamento de Nuno Mendez que no 1221 lle deixa entre outras cousas ó mosteiro de Oseira "un coiro de boi que ten na casa de Paio Muniz" [175]. Noutro lugar (6.6.7.6.) explicamos que Galicia destacou na Península pola súa industria de curtido de pel de bovino coa que algúns relacionan topónimos como *Sacardebois* (15.1.4.) e *Vacariza* (15.2.7.). O problema é que os nomes dos lugares que hoxe se chaman *Coiro* e *Coira*, aínda que aparecen nos máis antigos documentos latinos de Galicia como *Corius* [176] (e tamén como apelido [177]) e *Coriae* [178] (e, visto así, podían ter que ver co gando), tamén aparecen como *Caurium* e *Cauria* (e aí xa non é posible a relación co coiro); e esta dualidade indúcenos a pensar que primeiro foron as formas *Caurium, Cauria* e despois as formas medievais *Corius, Coria* [179]. Ora ben, na época romana, no *conventus emeritensis*, distrito que tiña como capital Emerita (hoxe Mérida), había unha cidade chamada *Caurium,* que transformada en feminino *Cauria* acabou sendo a actual *Coria* (Cáceres) e na epigrafía latina documéntanse persoas de cognome *Cauriensis.* Os especialistas afirman que do sur viñeron tanto a definitiva conquista romana da Gallaecia coma a posterior cristianización e, por parte, que esa zona tivo durante moito tempo unha relación especial e directa coa diocese compostelá. Así que dalgún destes estratos históricos poden vi-los nosos topónimos *Coiro, Coira* e derivados. Con todo, recoñecemos que hai estudosos da materia que prefiren buscar etimoloxías prerromanas. Dunha maneira ou doutra, estes topónimos non parecen ter nada que ver co coiro nin coa coira de orixe animal.

A existencia de topónimos como *Veitureira* (Lampai, Teo)*, A Veitureira* (Rosende, O Saviñao)*, Vitureira* (Budiño, O Porriño), *A Vitureira* (Langueirón, Ponteceso), *O Vitureiro* (Montecubeiro, Castroverde), *Voutureira* (Budiño, O Pino; e Chouzán, Carballedo) ou *Vuiturón* (Muxía), indica a presenza de voitres noutros tempos, polo menos neses lugares. Isto parece implica-la existencia de animais mortos que servisen de alimento. Recentemente (abril 2007) detectouse a presenza de voitres en Galicia que atacaron gando menor e isto relacionouse co progresivo aumento da disciplina sanitaria que regula a eliminación controlada dos animais mortos e que deixa os voitres sen alimento en zonas máis meridionais da península. Para o referente ó que acontece con esta carne morta véxase o que dixemos dos *pudrideiros* ou *morralleiras* na epígrafe 8.1.3. Idéntica función poderían ter en tempos remotos lugares coma *O Corvo, Corval, Pena dos Corvos, Pena Corveira, Niño do Corvo*. Pero isto lévanos a unha zona da toponimia na que a relación cos bovinos xa é moi difusa e, polo tanto, insuficientemente motivada.

Aínda que alguén poida pensalo, nada teñen que ver tampouco co gando as **Gándaras, Gandarelas, Gandariñas** e **Gandaróns**, que aínda hoxe son nomes comúns que designan monte baixo, inculto e plano e que todos consideran topónimos prerromanos.

Tampouco o topónimo **Requeixo** alude ó derivado do leite (o requeixo de comer). *Requeixo* é o nome de 52 lugares e parroquias por Galicia adiante (nas distintas formas *Requeixo, O Requeixo* e *Requeixada*). É, por exemplo, nome de tres montes (na Fonsagrada, en Allariz e en Guntín) e o derivado *Requeixada* tamén é nome dun monte en Laza e de dous regueiros que nacen en montes altos que despois embocan noutros máis baixos. Rivas Quintas [180] di que vén do *quassus*, *requassus*, "apertado nun currunchо", e, segundo afirma, os lugares que tal nome levan están todos ó pé dun monte, arrecunchados na base, probando o seu étimo.

---

[175] *unum corium bovis quod habeo in domo Pelagii Muni.* Eis algúns outros documentos nos que aparece *corium* co significado de auténtico coiro: *et carnem eius comedit cum filiis suis integram et corium eius uendidit hominibus unius barche que stabat in molinos* (1101-1300 Sobrado) *// aeneum opponere, ut gladium quem habent ad vindictam malorum, non corio mortui animalis tectum, sed nudum, & evaginatum portent,* (1160 Ourense) *// legi non viciatam, non cancellatam nec abolitam in pergameo de corio partitam alfabetum in qua erant septem sigilli pendentia* (1209 Ourense) *// nostri domini Martini diuina providentia ppontifice quinti scriptis in pergameno corii vera bulla plumbea dicti domini nostri pontifice pendente in cordula* (1422 Ourense).

[176] Eis algúns topónimos que xa na Idade Media se chamaban con nome idéntico ó nome latino do coiro: *de Sancto Iuliano de Corio* (787 Sobrado) // *quod uobis dedimus et damus ibidem medietatem de Bauzas de Corios et suo rouoreto medio* (960 Sobrado).

[177] *Ioannes Garcia Corio confirmat* (1150 Santiago).

[178] Hai textos latinos coma estes: *discurrente rivulo Arentarii sub aula sancti Iohannis de Corias* (1239 Oseira. S. Xoán de Coiras en Piñor) // *videlicet unum casale in loco qui dicitur Coriis, casale dictum de Palacio sub parochia sancti Iohannis de Coriis* (1625 Oseira. O Pazo, S. Xoán de Coiras, Piñor).

[179] Aínda que, en lei dereita, tampouco se pode excluí-la evolución inversa por hipercorrección.

[180] ERQ4: 151.

15.2.14. Algunha outra curiosidade de toponimia gandeira

Caga boi na fonte. Este é un topónimo que, por malsoante, desapareceu da memoria local e dos diferentes elencos toponímicos oficiais (coma *Ponte da Cagallosa* ou *río Matamulleres*). Sobre eles varias veces escribiu Pensado Tomé [181]. Pero o P. Sarmiento deuno como vivo no século XVIII e mesmo di que el pasou por ese lugar en tres ocasións: o 6.8.1745 [182], o 10.6.1754 [183] e o 1.7.1754 [184]. Na primeira viaxe di que é *feligresía de Santa María de Ordes* pero na segunda di *en Santa Cruz de Montaos*. El dálle o seu sentido literal, poñendo na explicación a palabra latina *boves* [185] e engade o paralelo *Mexaboi*.

Meixaboi. Transcribírono algúns como *Mexaboi* e explicárono outros como "mea buey" (AMS) ou en latín *Mingit bos* (Sarmiento [186]) e, postos nisto, non faltaron etimoloxías populares que inventasen algo para lle quita-lo seu carácter malsoante, como esta de Celso de Baión [187]:

> *Naquel lugar a estrada que vén de Lugo galla en dúas: a que vai a Ourense e maila que vai a Santiago. Hoxe hai unha ponte (Ponte de Mexaboi), pero antes de habela, os carros tiñan que vadea-lo río e logo subir en calquera das dúas direccións unha incómoda encosta. Neses casos aproveitábase para que descansasen bois e arrieiros. Ende chegando alí parábase o carro e berrábaselles aos animales: Ooooh..., para! ¡Mexa, boi!*

O problema destas explicacións é que este topónimo xa aparece escrito como *Meyxaboi* en documentos latinos do século XII e XIII e non como *mingit bos*, como supoñía Sarmiento. O máis antigo, un documento de Ferreira de Pallares de 1129, di: *et inde ad ponte curvum et per ganderam de Meyxaboy* ("e dende alí ata a Ponte Corva e pola Gándara de Meyxaboy"); onda os termos de Vilar e de Marzán e de Guntín e de Meyxaboy [188] (doc. de 1229); *definimos que os lindeiros entre Meyxaboi e Guntín vaian por onde se chama Marco de Espiñeiro e de alí á Touceira... e que a parte de baixo sexa toda de Meyxaboy e a de riba de Guntín* (doc. de 1229) [189]. Na capital do concello aínda existe unha área recreativa que se chama *Os Campos de Meixaboi*.

Tendo en conta que *ameixoar* é "arrecadar [o gando]", podiamos pensar en que é un lugar no que antigamente se ameixoaba ou arrecadaba o gando; pero ese final *–aboi* evoca o topónimo *Vilaboi* (en Loira, Valdoviño), que con toda probabilidade deriva de *villa Avoli* que aparece nun documento sen data do tombo de Lourenzá e que é paralelo dos *Vilabol* da Fonsagrada e das Nogais. Neste caso sería máis viable, de momento, outra hipótese: **mansio Aboli* "casa de Abolo". Nin debemos esquecer que unha das variantes de *manxadoira* é *meixadoira* que é a que, en *Folla Bricia*, utiliza sempre Crecente Vega (*na mesma meixadoira comían e rilaban*), polo que aínda cabe a posibilidade de que *Meixaboi* sexa variante de *Manxa boi.*

O problema segue sendo que xa no inicio do século XII apareza formada e escrita esta variante xa romance. En cambio, que en Vilaselán (Ribadeo) exista un con que se chama *A Mexada da Vaca* (15.2.2.) pode ser recente e motivado pola forma en que as ondas do mar bañan ese con.

Meixoeiro. Se *ameixoa-lo gando* significa "arrecadalo" (como parece pola voz *ameixoada*), posiblemente se referirían (no pasado) a esta acción os lugares que aínda hoxe se chaman *Meixoeiro* en Riobó (Cabana de Bergantiños), *O Meixoeiro* en Mourentán (Arbo), en Corredoira (Cotobade), en Cabral (Vigo); e *O Meixueiro* na Guía (Gomesende). E, se cadra, tamén *A Meixoada* en Cesullas (Cabana de Bergantiños). E, lembrando que temos *Bustofrío* [190] (cf. 15.2.7.), hai algunha posibilidade de que tamén teñan que ver co gando *Meixonfrío* en Vilaquinte (Carballedo), en Coirós (Coirós), en

---

[181] JLPT3:285.

[182] FMS2a: 64. Conta que pasou por alí na xornada do 6 de agosto, de Santiago cara Ferrol, despois da Ponte Sigueiro e de *Cixebre/ Eixebre* (hoxe Deixebre) e antes da Ponte Pereira e de Poulo, que está a 4 leguas de Santiago (uns 20 km).

[183] FMS2b: 63. No texto *Caga Boina fonte.* Conta que pasou por alí na xornada do 10 de xuño cara ó N. e sitúao entre A Santiña e a Venta do Cepo, anterior á Ponte Pereira, de Santiago.

[184] FMS2b: 78. Agora regresando cara ó sur sitúao entre A Venta do Cepo e A Santiña (onde indica unha legua).

[185] No *Viaje a Galicia* 1745 (FMS2a: 58r.; ed. Pensado, 64) e no seu *Onomástico Etimológico de la lengua gallega* (FMS1: n.412; II,113).

[186] No seu *Onomástico Etimológico de la lengua gallega* (FMS1: n.412; II,113).

[187] CB: 51-52.

[188] *ad terminos autem villaris et de Marzan et de Gontin et de Meyxaboy*.

[189] *diffinimus quod termini inter Meyxaboi et Guntin sint per ubi dicitur mascus de Spinario et in de ad Touceiram* [...] *Inferius sit totum de Meyxaboy et superius sit de Guntin.*

[190] Tamén hai nos documentos medievais *Fonte Frigida, Rivo Frigidu, Villare frigidu, Villarino frigidu* e *Bouza Frigida.*

Tállara (Lousame), en Barbeiros (Ordes), en Couzadoiro (Ortigueira) e en Taboada; *O Meixonfrío* en Entrecruces (Carballo) e en San Caetano (Santiago de Compostela); e mesmo *Meixonfría* en Lanzós (Vilalba). Pero débese ter en conta que un doc. latino de Santiago de 1215 xa falaba de *Meigion Frio* [191]. Véxase a suxestión de G. Navaza reproducida ó falarmos de *Bustofrío* (15.2.7.).

15.3. Refráns con topónimo

Imos ver finalmente refráns e outros elementos de tradición oral que teñen que ver co gando e que conteñen un topónimo.

Repárese, con todo, en que o que ten que ver co gando é o contido do refrán, non o topónimo.

As vacas de Cancelada, muito ubre e pouca canada. (VS)
As vacas de Ponferrada, moito ubre e pouca canada. (VS)
Vaca de Cancelada, moito ubre e pouca canada. (VS) [192]
Vaca de Ponferrada, moito ubre e pouca canada. (VS; ANV3:97; XTC4) [193]
Can de Daián, vaca de Castro e muller de Filgueira para quen os queira. (Barro, CLam3) [194]
Caroi, nin boa vaca ni bo boi; pero matadores, dos mellores. (RCI:178) [195]
En Caroi, nin boa vaca nin bo boi, pero montador, do mellor. (Lama) [196]
Cezures ¿onde tendes a vacada? .- Na braña de Brañelas, frente da Rebollada. (VLLM:1,138) [197]
Con mozas do Carballiño probarás carne, se es caladiño. (XSL:66)
De Arroxo, nin gado nin xente nin trigo pa semente. (PRIVAS)
De Arroxo, nin gado nin xente, que aínda os cochos roen as portas. (PRIVAS)
De Arroxo, nin gado nin xente, que hastra os cochos traban as portas. (ELS:37; VS)
De Arroxo, nin gado nin xente, que ata os cochos roen as portas. (ANV1:100; VS; XAB1:36; XTC4) [198]
*¿*Eres leiteira de Arroxo? Xa, xa.* (UCA2:36)
*¿*Eres leiteiriña de Arroxo? Xa, xa te conozo.* (VLLM:1,142) [199]
Do queixo do Cebreiro comer ata o sombreiro. (JASA:338) [200]
¡Ei, charelos das Chas, vendedes os bois e arades cos cas! (ERQ1:65) [201]
En Vilaicente matan o ganado e aran coa xente. (VS)
Os de Correás venden os bois e aran cos cas. (TCha:81) [202]

---

[191] *Burvia et per Landoirum, per Canosam, per campum de Meigion Frio, per picum de Petra Cavalar, per cautum de Cesuras*.

[192] VS: *muita ubre.*

[193] Taboada recolle, como variante, *da Cancellada*.

[194] Daián, Castro e Filgueira son lugares de Cerdedo. Daián (entre Serrapio e Castro) xa non figura no Nomenclátor actual e hai cincuenta anos era lugar que tiña de poucas casas, de xeito que os cans non estaban afeitos a ver xente e, cando se pasaba por alí, botábanse a un. Castro ten moi bos prados e as vacas eran tan boas que, cando as levaban para sitios de prados peores, sempre empeoraban por estaren moi afeitas á alimentación exquisita. E das mulleres de Filgueira dicíase que eran moi contalleiras ou lingoreteiras (CLam3).

[195] Caroi é un sitio de moito monte, ruín para o gado; e de xente con sona de ser un pouco atravesada e amiga de liortas.

[196] O noso informante di que se refire a un home moceiro que houbo en Caroi de Cotobade, que quedou como home proverbial. Tamén: *De Lugo, nin boa besta nin bo burro, pero montadores, dos mellores* (UCA2:33; ZM:76).

[197] Son lugares do concello de Taramundi, no lindeiro de Asturias e Galicia. Llópiz define *braña* como apartado de monte de pastoreo, onde se abeiran os Vaqueiros de Alzada para invernar cos seus rabaños.

[198] ANV1 e VS: *D'Arroxo, hastra*; XAB1: *hastra*; XTC4: *D'Arroxo, qu'hast'os cochos*. Hai sete Arroxos en Lugo: en Baralla, Becerreá, Bóveda, A Fonsagrada, Lourenzá, Samos e Sober. Llópiz recolle un refrán que fala das *leiteiriñas de Arroxo* e di que é lugar de Mondoñedo e próximo a el, polo que supoñemos que o refrán fala do lugar de Arroxo da parroquia de Santa María de Lourenzá, concello de Lourenzá. No refrán anterior, P. Rivas explica que, aínda que este Arroxo é aldea de Mondoñedo, a frase pode aplicarse a calquera outra localidade; escríbeo entre admiracións.

[199] Llópiz: *d'Arroxo*; explica que as vacas de Arroxo teñen sona de leiteiras; nótese o castelanismo *eres* por *es*.

[200] Este queixo ten forma de fungo e supoñemos que o *sombreiro* de que fala o refrán é a parte superior dese queixo, que se pode ver tamén como un sombreiro ou, máis ben, gorra.

[201] *Charelo*: denominación despectiva que os naturais de Medeiros dan ós das Chas e A Granxa, dous lugares de Medeiros -di ERQ-. Supoñemos que este Medeiros é a parroquia do Concello de Monterrei. Notable aliteración do ese. ERQ reprodúceo sen signos de exclamación.

[202] Este refrán cita un lugar da zona do plural en *-ás* collido para rimar con *cas* (Correás é lugar da parroquia de Fraialde en Pol, Lugo) e, pola mesma, podíase aplicar ós de Correáns, lugar de Vinseiro (A Estrada, Pontevedra) rimando con *cans*. Lembra a broma que os de Medeiros lle gastan ós das Chas e da Granxa berrándolles da outra banda do río Búbal: *Ei, charelos das Chas, vendedes os bois e arades cos cas*.

Os de Garabás venden as vacas i aran cos cas. (VS) [203]
Os de Marzás venden os bois e aran cos cas. (XTC4) [204]
Os de Tamaguelos matan os bois e aran cos cadelos. (XTC4) [205]
En Cando, nin xente nin gando. (Outes) [206]
En Carballiño, carne, pan e viño. (ZM:256)
No Carballiño, boa carne, bo pan e bo viño. (ERG:Carballiño)
Pra carne, pan e viño, O Carballiño. (ERG:Carballiño; XLF2:60; ZM:195; VIÑO:58) [207]
Pra rosquillas, Ribadavia; pra vitela, O Carballiño. (XTC4)
En carne de terneira, Galicia é o celeiro de España inteira. (VLLM:1,141) [208]
En carne tenreira, Galicia a primeira. (VLLM:1,141) [209]
En Fazouro venden a carne e comen o coiro. (TCha:81) [210]
En Galicia despídenme os lameiros e en Castela recébenme os macelos/coitelos. (VLLM:1,141) [211]
En Lugo, os lameiros e en Madrí os macelos/coitelos. (VLLM:1,141) [212]
En Maniños a bosta polos camiños. (ZM:96)
En Meira, nin boa xente nin boa feira. (Riba1:208)
Mentres o home vai a Meira, a muller queda na casa facendo a manteiga. (RCl:130)
Muller riseira non vai á feira de Meira. (RCl:131) [213]
Todos foron á feira de Meira i train a corda baleira. (XBG:479)
Xente de Meira, que vai prá feira. (VS; Riba1:208) [214]
En Nois móntate no carro e fálalles ós bois. (VS) [215]
En Soutelo nin boa vaca nin bo becerro, nin boa moza nin bo cancelo. (Salc5)
En Vimianzo colle os bois e traballa co arado. (VS)
Feira boa: a de Vilaboa. (VLLM:2,8) [216]
Feira bonita: a da Cruña, María Pita. (VLLM:2,8)
Festas, queixos e terneiros, os da vila de Teixeiro. (VS4)
Leite, queixos e terneiros, os de Curtis e Teixeiro. (VS4)
Moza de Deza e vaca da Ulla, ben é verdá que de cento unha. (Carb-L:207)
Moza de Deza e vaca da Ulla, de cento unha. (MVN2:94; ERG:moza; ZM:140, ZM:258; XMSM:46; XSL:64; XLF2:42) [217]
Muller da Gudiña e vaca da Mezquita, ¡quita, quita! (Gud5:89)
Mulleres da Ribeira e vacas da Mezquita, quita, quita, que teñen vida de señorita. (VS)
Vaca de Entrimo e muller de Gaiás, fuxe delas coma dos cas. (XSL:65) [218]

---

[203] VS: *i-aran* (no ms. *y'aran*).

[204] Este e mailo refrán seguinte fan alusión á tacañeira dos habitantes dos lugares veciños. Proceden de Baños de Molgar a onde pertencen os dous lugares, e foron proporcionados por D. Higinio Fernández Novoa, párroco de Vilamaior. No texto: *cás*.

[205] No texto: *cós*.

[206] A nosa informante dinos que nesta aldea de Outes sempre houbo preitos e pelexas entre os veciños e entre familiares por causa das leiras e dos lindes. Como non facían miramentos cos familiares, compárase a xente cos animais, que teoricamente non teñen conciencia para os semellantes.

[207] No texto: *o Carballiño* (sic) (XLF2 e VIÑO); *Pra carne, pan e viño, Carballiño* (ZM).

[208] Llópiz: *d'Hespaña*; recólleo de Trapero Pardo en Madrid en 1953. Supoñemos que se trata dunha creación recente.

[209] Recólleo da 1ª Feria del Campo (Madrid ¿1953?) de Trapero Pardo. Cita vars. do mesmo abonante *En sardiñas e tenreiras...* e *Galicia sempre a primeira....* Coma o anterior supoñemos que se trata dunha creación recente, non dun refrán tradicional.

[210] Fazouro: parroquia do Valadouro, concello de Foz. Se Fazouro, en cambio, estivese na área dialectal tudense, rimaría con *couro*.

[211] Llópiz: *despídenm'os lameiros i-en Castela recebem'os* (sic); explica que fala o gando galego que, arrincado ós verdes prados galegos, chega a Castela e alí recíbeno os matachíns para sacrificalo; recólleo de F. Magadán en Ponferrada.

[212] Llópiz: *i-en*; recolle esta var. en Sarria, de Laureano Páramo.

[213] Non lle fai falla amosarse para casar.

[214] No texto: *pr'a feira*.

[215] Paco Rivas, veciño de Nois e informante de calidade, asegúranos que en Nois ninguén coñece actualmente este refrán, o que quere dicir que é unha pura rima creada fóra de alí, coma tantas que conteñen topónimos.

[216] Llópiz: *Feira boa a de Vilabóa.*

[217] MVN2: *Déza, d'a Ulla, cent'unha.* ZM: *de cento, unha* (p. 258); *de cento ... unha* (p. 140). XSL: *de cento...unha*.

[218] No texto: *d'Entrimo, d'ela* (Grou); *délas, como, cás* (XSL). Entrimo é concello ourensán que está na raia seca estremando con Portugal e Gaiás é lugar da parroquia de santa Cruz de Grou no veciño concello de Lobeira. O refrán é un de tantos casos nos que un topónimo está aí só por rimar cunha palabra (*Gaiás* con *cas*) pero cómpre ter presente que nesa zona, e concretamente, en Entrimo, son características as vacas da raza cachena, rústicas, de difícil manexo e corna espectacular.

Vaca de Fradelo e muller da Gudiña, Dios che ma retire da miña cociña. (Viana5) [219]
Vaca de Manzalvos e muller da Mezquita ... quita, quita. (Mez1:149; XTC4) [220]
Vaca de Trives e mulleres da Mezquita, quita, quita. (XTC4)
Muller de Xavestre e boi de Chaián, compralo hoxe e vendelo mañán. (NevesC)
Nebra en Corneira, vento ou auga ao outro día. (LimiaB:249)
O boiciño de Outes, que folgando escornouse. (VLLM:1,147) [221]
O crego de Albarellos ten máis touras cós seus novelos. (XSL:67; GILB:124) [222]
O viño de Beade, anque sea coma vinagre, i o de Bieite, anque sea coma leite. (VS)
O viño de Bieite, anque sexa coma leite. (VIÑO:57; ZM:186) [223]
¿Onde irás boi, que non ares? -A Balsada e a Casares. (VS) [224]
¿Onde irás, boi, que non ares? A Casares. (UCA2:51; JASA:345; JASA2:412; JASA3:225; VLLM:1,148; EAG:23; ZM:188; VS) [225]
¿Onde irás, boi, que non ares? -Ós Peares. (VS) [226]
Os de Lubre, toman o leite da ubre. (VS4)
Os millores queixiños: os de Curtis, Ulloa ou Bergantiños. (Carb-L2)
Para pasa-lo Touriñán, ou rentes da costa ou adentro do mar. (CGP:156) [227]
Polo san Lucas saca os bois da asuca en Camba e en Dozón, en Monterroso aínda non. (Antas4) [228]
Polo san Mateu sementa ti e sementarei eu; polo San Miguel semente quen poider; e polo San Luca saca o boi da asuca, en Chantada e Argozón, que en Camba e Deza, inda non (VS) [229]
Se as penas de Oirán se volveran pan, a Frouseira manteiga, e o río de Ouro viñera mouro, non habería terra como Valadouro. (ZM:222; EAG:28) [230]
Se as penas de Oirán se volveran pan; as da Frouseira, manteiga i o río de Ouro, viño mouro, ¿quen podería co Valadouro? (ELS:36) [231]
Se as penas de Oirán se volveran pan, i a Frouseira manteiga, e o río de Ouro viño mouro, non había terra coma o Valadouro. (VIÑO:58)
Se o Cadramón fora de xamón, a Frouxeira de manteiga i o río Ouro fose ouro, ¿quén podía co Valadouro? (XAB1:41)
Se os penedos de Oirán se volveran pan, a Frouseira manteiga i o río de Ouro viño mouro, non habería terra como a do Vale de Ouro. (ERG:terra) [232]
Vacas de Ferraría e homiños de Río, lobiños, lobos. (VS4) [233]
Vacas da Ulla e muller de Bendoiro, non as metas na casa que che é un agoiro. (MVN2:102; XMSM:47; XSL:65; VLLM:1,155; ZM:244; ZM:259) [234]

---

[219] Fradelo, parroquia de Viana do Bolo.

[220] Outro exemplo de topónimo esixido pola rima *(Mezquita* con *quita*); neste caso Manzalvos é parroquia do concello ourensán da Mezquita.

[221] Outes onda Muros.

[222] XSL e GILB: *que os*. *Albarellos* hai varios en Galicia e cremos que aquí simplemente está por razón da súa consonancia con *novelos*.

[223] No texto: *Vieite* (VIÑO); *Vieite, como* (ZM). Hai tres lugares en Galicia que lle chaman Bieite: un en Leiro (Ourense), outro en Boimorto (A Coruña) e outro en Castelo (Outeiro de Rei, Lugo). Referido ó Bieite de Leiro, recollémo-la sona dos seus viños na seguinte cita que copiamos do *Diccionario Geográfico-Estadístico-Histórico de Galicia* de Madoz: *El principal comercio consiste en la extracción de vino para varios puntos de Galicia*.

[224] No texto : *i-a Casares*. VS explica que son *Pueblos de Quiroga muy accidentados, en los que no pueden arar los bueyes*.

[225] No texto: *voy* (sic) (UCA2); *ónde* (ZM); EAG sen interrogacións; JASA sen abrir interrogación. Llópiz explica que Casares é un lugar da prov. de Ourense que precisamente carece de terra arable; recólleo de Gabriel Mª Vergara *(Diccionario de cant. y refranes*).

[226] VS recólleo en Chantada.

[227] Cabo Touriñán, en Muxía (A Coruña)

[228] O informante explica que a *asuca* se refire á bota do pan, que hai que facela antes en Camba e en Dozón ca en Monterroso, por seren aquelas terras máis ruíns e máis frías.

[229] Noutra versión VS di *e semente eu; y Aragón, que en Camba e Deza non.*

[230] No texto: *Se as peras de Dirán* (sic) (ZM); *S'as, d'Oirán, d'Ouro, n'había, com'o vantedouro* (sic) (EAG). Son todas localidades da zona norte de Lugo.

[231] No texto: *Si, d'Oirán, d'a Frouseira, y o río d'Ouro, c-o Valadouro.*

[232] ERG: *volverán*.

[233] Ferraría debe de se-la do Incio porque VS4 di que o recolle no Val do Mao (O Incio).

[234] No texto: *d'a Ulla, Bendóiro, n'as metas n'a casa, ch'é, agóiro* (MVN2); *de Ulla, n'as metas* (VLLM). Llópiz recólleo de M. Valladares (Rev. *Galicia* 1887). Bendoiro é lugar e parroquia de Lalín.

Xente de Noia, campana de coiro, tocan á misa cun corno. (ZM:252) [235]
Xente de Noia, campana de pau, tocan á misa co corno. (VG:9.8.86)

15.4. Cantigas con topónimo

A regueifa é de trigo,
no medio ten unha rabiza,
que se estrevan a cantala
as mozas de Pastoriza. [236]

A Ribeira de Piquín,
ribeira de muita fame,
o pouco leite que collen
derrámano con filame. [237]

A subila e a baixala
a costiña de Bostelo,
a subila e a baixala
perdín a cinta do pelo. [238]

A Virxe de Pastoriza
ten o camarín de pedra,
ben o podía ter de ouro,
miña virxe, si quixera. [239]

A Virxe de Pastoriza
vai indo pola ribeira,
collendo cunchiñas de ouro,
meténdoas na faltriqueira. [240]

Adiós ás ostras do Burgo
e ás ostras de Pasaxe;
a Virxe de Pastoriza
nos dea a todos bo viaxe. [241]

Adiós, toural de Lubeira,
tan solo tes catro casas;
nelas queda a miña vida,
consolo da miña ialma. [242]

¡Ai, que me doi a cabeza!
¡Ai, que me doi a moleira
de carrexar o estrume
alá de Pena Corneira! [243]

Andan as cabras na horta
e as ovellas nos repolos;
os mociños de Boimorto
teñen carrachas nos ollos. [244]

As mociñas de Boimorto
non é unha que son todas:
poñen dez pares de medias
pra face-las pernas gordas. [245]

As mociñas de Requeixo
quén che mas dera levar
no bolsillo do chileque
como o papel de fumar! [246]

As rapazas de Boimorto
todas xuntas nun montón,
a máis feita delas todas,
non vale un patacón. [247]

Castropol, corral de vacas,
As Figueiras, de cabritos,
A Veiga, de folgazais
Ribadeo, de señoritos. [248]

---

[235] No texto: *cairo*, que supoñemos erro por *coiro*.
[236] AS:15.
[237] Piquín2; SCHU4/2/240. *Filame*: callo, líquido que se extrae de macera-lo estómago do porco e que serve para calla-lo leite.
[238] Corme1:484. Comenta Ben Cho Shey que se trata dunha *cántiga muy conocida que se encuentra en muchos sitios adaptando el nombre del lugar. Así, en Orense y en el Tea, 'a costiña de Canedo'; en Melide, 'a costa de Reboredo'. También en la parte occidental de Asturias se dice 'la cuesta de Ribadeo'.*
[239] ALC:288. Recollida en Betanzos. No texto: *d'ouro*.
[240] ALC:288. Recollida en Betanzos. No texto: *pol-a, d'ouro*.
[241] ALC:301. Recollido en Sada. No texto: *as ostras, nos dé a todos*.
[242] LimiaB:31.
[243] JASA:154 (cant. 1.113), DBP:2582. Saco y Arce explica que: *Llámase así por su forma una peña puntiaguda que corona el picacho más alto de una sierra que hay en la parroquia de Lamas, a dos leguas de Ribadavia.*
[244] MRV:103.
[245] MRV:103.
[246] LimiaB:48. Requeixo: lugar da parroquia de San Mamede de Grou.
[247] MRV:103.
[248] FBB1:13. Riba1:208, no texto: *as Figueiras, a Veiga, folgazáis.* Catro pobos da ría do Eo. Castropol é concello asturiano da Ría de Ribadeo; os da Veiga son os que viven nos arredores da boca do río Eo.

Castropol, corral de vacas,
As Figueiras, de cabritos,
Ribadeo, de folgazais,
e a Veiga, de señoritos. [249]

Castropol, corral de vacas,
As Figueiras, de cabritos,
Ribadeo, folgazáns,
i A Veiga, de señoritos. [250]

De Dormeá a Boimorto
calquera aire me leva,
mais de Boimorto pra abaixo
nin aire nin boas nenas. [251]

De Pesadoira a Cornado
rapazas de Pesadoira
ponte marela ó carro. [252]

De Pisadoira ó Cornado
unha fala dúas falas
ponte rapasa ió carro. [253]

Deñas véde-lo inferno
Alas un curral de vacas
vamos pra Santa Mariña
ies la flor de las muchachas. [254]

Dime, leiteira de Arroxo:
¿Con que aleita-lo teu xato
traguendo sempre pra a vila
xarros de leite tamaños? [255]

...d'ir ás Asturias
e 'nsiñareich'o camiño
derde Orens' a Panforrada
de Panforrad'à Nieblilla
derde Villablin'a Sama
derde Sam' à Cornellana
desde Cornellan'à Trubia. [256]

En Cobas e na Mariña
xa temos o que queremos,
temos leiteiras a par
que pagan a todos precios [257].

En Sendelle hai boas mozas,
en Boimorto a gana delas,
indo pola Brea abaixo
bonitiñas coma estrelas. [258]

En Vilachá hai boas mozas
e en Queixeiro a flor delas
en Monfero breaduchos
para brea-las tixelas. [259]

Entre Mourente e Tomeza,
entre Tomeza e Tourón;
entre Mourente e Tomeza
hai San Miguel de Marcón. [260]

Fun ó San Lorenzo ás Quintas
i á Santa Eufemia a parada;
as mociñas de Requeixo
son as que botan a vaia. [261]

Meu irmau anda en Castilla,
anda na torre de Touro;
¿Cándo te volverei ver
miña peroliña de ouro? [262]

Moito me doe a cabeza,
moito me doe a moleira,
de acarrea-lo estrume
da costa da Becerreira. [263]

---

[249] SCHU4/2/396a (que o recolle en Taramundi, Asturias), XBG:452. No texto: *i a Veiga* (SCHU).

[250] TCha:82.

[251] MRV:104. Dormeá é parroquia do concello de Boimorto.

[252] SCHU4/2/517a. O informante é de Serra de Outes, e Pesadoira e Cornado son dous lugares de Negreira lindando co concello de Outes.

[253] SCHU4/2/517b.

[254] SCHU4/2/255bis. Santamariña é lugar da parroquia de Xaviña, concello de Camariñas.

[255] MLP2:3, MLP3:210. No texto: *con qué aléital-o* (MLP2); *aleitas o* (MLP3). Leiras explica que Arroxo é un outeiro cun burgo de casas que hai indo de Mondoñedo a Vilanova.

[256] SCHU4/2/152.

[257] Ferr9.

[258] MRV:104. Sendelle, parroquia de Boimorto. Entre Sendelle e Boimorto hai un regato chamado *Rego da Brea.*

[259] SCHU4/2/446i. No texto: *e'n Queixeiro, d'elas*. SCHU recóllea na Veiga (Taboada, Monfero). Vilachá e Queixeiro son dúas parroquias do concello coruñés de Monfero.

[260] DBP:3203. San Miguel de Marcón, parroquia de Pontevedra, entre a de Mourente e a de Tomeza. Tourón, parroquia do concello estremeiro de Ponte Caldelas.

[261] LimiaB:85. Xaquín Lorenzo explica *botar a vaia* como 'desafiar'.

[262] DBP:2665. No texto: *d'ouro.*

[263] VD:304. No texto: *acarreal-o*.

Moito me doe a cabeza,
moito me doe a moleira,
de carrexar o esterco
desde a Pena Carreira. [264]

Monforte, Chantada e Lugo
e a feira de Pantón...
e para rapazas guapas
hainas en Escairón. [265]

Niste lugar de Requeixo
hai un pociño de bogas,
mais o que as ha de pillar
ten que gastar catro solas. [266]

Niste lugar de Requeixo
hai un pociño de neve;
eu quixera beber nil,
meu curazón non se estreve. [267]

Niste lugar de Requeixo,
no medio quero decer,
hai un piñeiriño verde
que alumea sen arder. [268]

O Campo de Badernado.
Unha fala, dúas falas:
- "¡Ponte, Marela, no carro!". [269]

O cantar dos arrieiros
é un cantar que namora
empeza no Chao de Limia
i acaba na Feira Nova. [270]

Os de Crecente
mataron un burro,
os de Saldanxe
comérono crudo,
e os da Pastoriza
mandaron recado
que lles deixaran
a punta do rabo. [271]

Os de Penedo
comen o caldo acedo
os de Meilás
venden os bois
e aran cos cas
os de Folgoso
comen o raposo
os de Cortegada
comen a burra pelada
e os de Frandeiras
andan arrastro
polas carreiras. [272]

Os mociños de Boimorto
son pouquiños e ruís;
andan polas corredoiras
derreados dos cadrís. [273]

Os mociños de Boimorto
son pouquiños e ruís;
o máis guapo deles todos
é derreados dos cadrís. [274]

Pa pan de trigho Arzúa,
e pa leite Monterroso,
e pa rapazas bonitas
a parroquia de Folghoso. [275]

Pantalón de pel de ovella,
chaleco de pel de boi,
gorra blanca na cabeza
é o estilo de Caroi. [276]

---

[264] Lama2:163. No texto: *muleira*.
[265] RCI:168.
[266] LimiaB:108.
[267] LimiaB:108.
[268] LimiaB:108.
[269] Muros.
[270] SCHU1/2/346. No texto: *Chao de Lmia* (sic).
[271] RCI:81. Crecente e Saldanxe, dúas parroquias da Pastoriza.
[272] RCI:161. O Penedo e Meilás son lugares da parroquia de San Xoán de Cortegada, Sarreaus, Ourense. VS recolle estoutra variante *En Vilaicente matan o ganado e aran coa xente.*
[273] MRV:104.
[274] MRV:104.
[275] Sob3; no texto: *trijo, Foljoso*. Por ser alusión eloxiosa e por estar recollida en Sobrado, este Folgoso ten que se-la parroquia de Santa Cristina de Folgoso en Sobrado.
[276] Lama2:52.

Para pan de trigo, Caldas;
para queixo, San Simón;
para empanadas, en Noia;
para lampreas, Padrón. [277]

Pescador que estás pescando,
péscame unha rebaliza
pra lle levar de regalo
á Virxe de Pastoriza. [278]

Pescador que estás pescando,
péscame unha rebaliza
que me merece esa gracia
o cura de Pastoriza. [279]

Pun purrumpún
- ¿A onde vas, vella?
Pun purrumpún
- Pra Pontevedra,
a comprar a manteiga
prá vella
que está na lareira. [280]

San Antoniño pequeno
anda no monte co ghando
a Virgen de Pastoriza
iándallo arrecadando. [281]

San Cristovo de Corneira
ten uns sapatos de vidrio
que llos levou de reghalo
San Pedro de Bughallido. [282]

San Lorenzo de Fornelos,
Santa Marta de Ortigueira:
a muller que come a nata
non pode ter a manteiga. [283]

Santa Crus montaña brava
Buenos Aires campo longo
soqueiros no Pedrouso
mulleres malas no Cornado. [284]

Santa María de Entrimo,
Santa Marta de Lobeira,
a muller que come a nata
non pode te-la manteiga. [285]

Santa Marta de Lobeira,
Santa María de Entrimo,
a muller que come a nata
ten a marca no fuciño. [286]

Santa Marta de Ortigueira:
a muller que come a nata
non pode facer manteiga. [287]

Santa Marta de Ortigueira,
a muller que come a nata
non pode ter a manteiga. [288]

Santa Marta de Ortigueira,
a muller que come a nata
non ten parte na manteiga. [289]

Santa Marta de Ortigueira,
a muller que come a nata
non ten sorte coa manteiga. [290]

Santalla, curral de vacas,
Vilaseca, de cabritos,
Moxueira, de embusteiros.

---

[277] DBP:3280, ALC:299. No texto: *Noya* (ALC). De vello vén a sona do queixo de San Simón da Costa, hoxe distinguido coa etiqueta de "Denominación de Orixe Protexida".

[278] ALC:290. Recollida en Betanzos.

[279] ALC:291. Recóllea de R. Cabanillas *Antífona da Cantiga*.

[280] TCha:79. No texto: *ónde*, *pra vella.*

[281] SCHU1/2/284, SCHU4/2/817a. No texto: *arrecabando*.

[282] SCHU4/2/836. No texto: *tén*.

[283] Coto2:94. Esta cantiga introduce onda Santa Marta de Ortigueira (C), tradicional nesta cantiga, cunha parroquia próxima a Cotobade (San Lourenzo de Fornelos, en Fornelos de Montes, PO).

[284] SCHU4/2/399. Recollida na Serra de Outes.

[285] JASA:120, LimiaB:141. No texto: *d'Entrimo*, *Lobeira*, *ter a* (JASA); *Lubeira, tela* (LimiaB).

[286] LimiaB:141. No texto: *Lubeira*.

[287] MVN2:102: *d'Ortigueira, póde*. VS dáo como refrán.

[288] JASA:141 (terc. 8): *d'Ortigueira*. LimiaB:267; recollida en Muros. DBP:315: *d'Ortigueira*.

[289] VS: *d'Ortigueira.* VS dáo como refrán.

[290] XMSM:83, RCI:177, ZM:220, ZM:259, XSL:61, JPBII:159.53, JASA:334, SCHU1/2/311, SCHU4/2/883. No texto: *ca manteiga* (XSL); *co-a manteiga* (JPB); *d'Ortigueira, n-a manteiga* (JASA); *d'Ortigueira, com'a, tén, suerte, ca manteigha* (SCHU1/2/311); *d'Ortigheira, com'a, tén, suerte, ca manteigha* (SCHU4/2/883). Unha vez máis algúns etnógrafos (JASA, XSMS, ZM, XSL, VS) presentan como refrán o que outros (JPBII, SCHU e RCI) presentan como cantiga.

¡Vaia tres aldeas
máis bonitas! [291]

Santo Cristo de Fisterra,
mándano-lo vento en popa,
para pasar a Touriñana,
que témo-la vela rota. [292]

¡Santo Cristo de Fisterra,
santo da barba dourada,
axúdame a remontar
a Laxe de Touriñana! [293]

Santo Cristo de Fisterre,
Cristo da barba dourada:
Axúdademe a pasare
a Laxe de Touriñana. [294]

Santo Cristo de Fisterre
Cristo das barbas douradas
amigo das boas nenas
cando van pra Touriñana
ai la la lo... [295]

Son as mozas de Requeixo
moi meigas e moi melosas;
ós mozos volven toliños
coas suas falas amorosas. [296]

Son as mozas de Requeixo
tan boas e cobizosas
que cando os mozos se enteiran
pensan: "Non queremos outras". [297]

Vilarín corral de vacas
Vilapiñol de cabritos
Aldomán de folgazais
e Samartín de buenos chicos. [298]

**Villalba, corral de vacas,*
Vilanova, de cabritos,
*Mondoñedo, de *embusteros,*
¡que tres pueblos tan bonitos! [299]

Viva Coiro porque sí
no tengo porque neghar
la tierra donde nasí
ai la la... [300]

Viva o lugar de Requeixo,
viva, viva coma dantes:
unhas mozas coma rosas,
us mozos coma xigantes. [301]

15.5. Contos con topónimo

O xastre e a muller que casou noutra terra [302]

Antes os xastres eran os que lle facían a roupa ás mulleres cando casaban. Foi unha noiva ó xastre facer a súa e o xastre, axiña que soubo con quen ía casar, díxolle:

- ¡Ai, miña nena, alí naquel sitio para onde vas ti, non che falan coma aquí!
- ¿E logo?
- Falan doutra maneira.
- Ai, ho, ¿e non me has dicir logo como se fala alí?
- Se dormes unha noite comigo, dígoche como falan naquela terra.

Ela aceptou e o xastre explicoulle.

- Mira, alí á sogra chámanlle meiguiña, á cabeza chámanlle a modorra, ó brazo

[291] TCha:81. Santalla e Vilaseca, lugares de Santa María de Meilán, Riotorto; Moxueira, de San Lázaro da Moxueira, Riotorto.
[292] Corme1:495. No texto: *mándanolo, témola*.
[293] XAM:33, FBB2:183, LLB:14, VLQ2:362, MVN:254, DBP:590. No texto: *Fisterre* (XAM); *da Touriñana* (LLB); *de Touriña* (sic) (VLQ2); *Fistèrre, d'a barba, ajudam'a remontar, laje d'a Touriñana* (MVN); *axúdam'a* (DBP).
[294] ALC:291. Recollida en Fisterra.
[295] SCHU4/2/874.
[296] LimiaB:148.
[297] LimiaB:148.
[298] SCHU4/2/396b. Recollida na Fonsagrada, concello ó que pertencen tódolos lugares citados.
[299] JPBII:162.62. No texto: *¡qué*.
[300] SCHU4/2/192b. Recollida en Suevos, Coiro, Mazaricos.
[301] LimiaB:163.
[302] XCARXM2: 94-95.

chámanlle o ciringallo; ó prato chámanlle cu; ós ovos chámanchelles peidos, ó señor cura chámanlle o señor engrengue, á tixola chámanlle a puta que a pariu, á manteiga, a merda, á cama chámanlle o inferno, ás sabas, un fera verás, e á almofada, un lucifer.

E ela aprendeu ben aquel repertorio e quedoulle todo na cabeciña. Foi a voda e, no xantar, a un lado dela sentou o marido e ó outro estaba o crego. E díxolle o cura:

- *Chégate para diante, muller, chégate un pouquiño máis á mesa*.

E dille ela:

- *Deixe, señor engrengue, deixe, que eu ben lle chego co ciringallo ó cu*.

E vaise a sogra ó escoitar aquelo:

- *¡Alabado!*

E o home:

- *Ah, Xesús!*

E di a moza:

- *¡Ai, miña meiguiña! ¿Seique lle doe a modorra? Pois dígalle ó seu fillo que a leve ó inferno e que lle poña un fera verás por abaixo e outro fera verás por arriba, e que lle poña tamén un lucifer na cabeceira. E despois que vaia á cociña e que lle poña a puta que o pariu ó lume con dous peidos e unha presiña de merda.*

E a sogra:

- *¡Ai, Virxe do Carme! ¡Ai, nena! ¿A ti quen che aprendeu eso?*
- *Foi o xastre, que me dixo que se durmía unha noite con el, aprendíame o falar desta terra*.

E dixo o home:

- *¡Ai, Xesús! ¡A Cuba!*

E o home marchou e a sogra dicíalle á rapaza:

- *¡Vaite pra Corno de Boi*
que de alí veu a túa avoa
e nunca boa foi!

Como xa explicamos noutras ocasións, os refráns dos contos chegan a condensa-lo conto e a constituírse en entidades independentes:

De Corno de Boi é miña nai e nunca boa che foi. (VS) [303]

- *¿De donde está o aire?*
- *Do Corno do Boi.*
- *Estará, home, estará; de alá veu tua nai, e nunca boa foi.* (VS)

- *¿Donde vén o aire?*
- *Da terra do boi; donde veu túa nai, que nunca boa foi.* (VS)

Ou recollido como cantiga:

¿De onde vén o aire?
Da terra do boi.
¿De onde vén túa mai,
que nunca boa foi? [304]

Con todo iso, téñase en conta que hai unha variante na que *Corno do boi* aparece substituído por *Cabra fanada.* En Caritel, cando corre vento forte e moi frío, din que *o aire está de Cabra fanada* e, cando se lles pregunta por que o din, responden *porque d'alá veu túa nai e nunca valeu nada.* Esta variante demostra que tanto *Corno de boi* coma *Cabra fanada* non son topónimos reais senón creacións humorísticas para conseguir unha rima e que simplemente pretenden designar un lugar moi frío que se considera pouco apto para a vida agrícola e gandeira e, en consecuencia, de xente pouco agraciada.

[303] *Corno do Boi* é un sistema montañoso situado ó SO do concello de Friol.
[304] Carb-L:45. No texto: *ónde ven*.

Capítulo 16. A VACA NA LITERATURA

Capítulo 16. A VACA NA LITERATURA

Rematada aquí a monografía etnolingüística, non queremos concluír este libro sen unha mirada á literatura galega, aínda que sexa sen ningunha pretensión de exhaustividade que, nun libro coma este, estaría fóra de lugar.

A vaca, o gando vacún, aparece nos textos literarios galegos cunha frecuencia probablemente máis alta do que noutras literaturas da contorna cultural europea. Unha parte dos nosos escritores en prosa ou verso introducen a vaca, o boi e os becerros na súa obra e fano de dúas maneiras, ben como retrato da realidade, como tema que en si interesa, como algo que forma parte da vida diaria obxecto da obra artística, ben como espello ou metáfora dos máis variados aspectos da realidade humana.

Textos de Rosalía, de Castelao, de Manuel María, de Xosé Manuel Carballo, de Darío Xohán Cabana observan a vaca en si mesma con ternura e con respecto. Outros textos de Lamas Carvajal ou de Álvarez Limeses observan a vaca como espello doutras realidades humanas.

En calquera caso, é esta unha peculiaridade que indica a importancia que tivo a vaca no mundo gandeiro tradicional, que nestes momentos xa case está transferido á gandería industrial moderna. Non chegou en Galicia a vaca a gozar da veneración relixiosa da India pero tampouco é un animal anódino para o gandeiro galego: é un animal familiar que suscita afectos e que, por momentos, *é coma un cristián fóra a alma e figura.*

O poeta ou escritor galego respira neste clima simbólico e por iso el tamén, consciente ou inconscientemente, expresa noutro nivel de elaboración a mesma función creadora do gandeiro anónimo, e se cadra analfabeto, que creou os milleiros de palabras que levamos visto ou que creou refráns, adiviñas, cantigas e contos nos que a vaca é protagonista.

Como dixemos en 1.8.4.4., neste capítulo, que é un apéndice estritamente literario, reproducímo-la grafía orixinal do autor, salvando unicamente algunhas erratas evidentes [1] ou actualizando opcións únicas como *pra'ldea* que modificamos en *pr'aldea; sö* > *só; c.unha* > *cunha*: en calquera caso indicamos en nota a rodapé as contadas intervencións que nese capítulo facemos sobre o texto orixinal.

16.1. A vaca e o boi como realidade substantiva

Vexamos, logo, algúns deses textos que observan a vaca como realidade que forma parte da vida diaria, como un ser vivo que é compañeiro fiel, que dá alimento, calor, enerxía e mesmo substancias fertilizantes; como elemento transcendental da economía campesiña: é dicir, como realidade substantiva, á que se chega a querer e pola que se chora cando morre, porque a perda é grande, como chorou Xan da Rua. Dino moi ben os versos de Darío Xohán Cabana.

---

1 *un cabeza* > unha cabeza; *estences* > estonces; *en* > eu.

Autor	Título
Alonso Estravís, Isaac	*O arado vai fendendo a terra*
Álvarez Blázquez, Xosé María	*Milagre do bispo Atheulfo*
Álvarez Limeses, Xerardo	*A señora vaca*
Amado Carballo, Luís	*A vaca*
Anónimo	*Relacion de las festivas demonstraciones...*
Anónimo	*Casos e cousas*
Añón, Francisco	*A leiteira*
Araúxo Iglesias, Emilio	*O xugo*
	A vaca caldelá
	A tapada da crega
Armada Teixeiro, Ramón	*Sen título*
Cabana, Darío Xohan	*A vaca*
Cabanillas, Ramón	*Mal de ollo*
Calvo Gómez, Fermín	*Sen título*
Carballo, X.M.	*A Cuca*
Castro, Rosalía	*Soberba*
Comesaña, Antón	*O símbolo dos camiños*
Costa, X. Bautista	*O home das vacas*
Cotarelo Valledor, Armando	*Quen moito fala...*
Crecente Vega, Xosé	*A miña pucha*
	¡Que ben!...
	Sen título
	Estes bois de Gontán
	Aquela vaca Marela
	A vaca de leite
	Pingotas
	A vaca Nova
	Sen título
	Eí vén o bon lagrego ...
	A Teixa i a Gallarda
	Eu quero ver...
	A miña aguillada
	A pataca
Cruces, Fortunato	*Un milagre*
Eiré, Afonso	*A vaca galega*
Flores, Ricardo	*Cantiga de arada*
Fol de Gaita	*O boi e a ran*
González Suárez-Llanos, Camilo	*O pequeno i as vacas*
Guitián Rubinos, Laureano	*Unha noite na casa do Tío Farruco do Penedo*
Igresias Roura, José	*Tras do arado*
Lama, Xavier	*O comedor que foi establo*
	Arte de apacentar
Maragall, Joan	*A vaca cega*
Manuel María	*A vaca*
	O boi
	A xata
	O gando
	Louvanza dos queixos de San Simón
	O carro
	Sementeira
	O arado
	O pasteiro que foi prado
	Feiras
Mirás, Francisco	*Un boi e un becerro*
	Un boi e un rato
Montenegro Saavedra, Amador	*A tralla e a aguillada*
Montes, Eugenio	*Tornan as vacas para a aldea*
Moure, Teresa	*O meu veciño Tomé*
Murado, Miguel Anxo	*Os froitos da vaca sagrada*
Nóvoa Costoya, Manuel	*N-a corredoira*

Novoneyra, Uxío	*Bois burdiós*
	Lembranzas da vida de pastor
	Germana de Romeor, pastora do Sumedo
	No silencio da serra
	Eidos sóios
	Os primachorros
Pensado Tomé, José Luis	*Vesadoiro e charrúa*
Pereiro, Mauro do	*Xan d'Arzua*
Prado *Lameiro*, Javier	*Un consello*
	Cousas de feira
	Mal negocio
	Vale más poco y bueno, que mucho y malo
Rábade Paredes, Xesús	*O da Marela*
Rodríguez, Bernardo	*Compra-venta*
Rodríguez González, Eladio	*Papas de arroz: Larpeirada/larpadela*
Torres Ferrer, Sabino	*No río de Tomeza*
Varela, Lorenzo	*O touro*
	Os bois
Vázquez, Pura	*Os bois*
Vázquez Pintor, Xosé	*A memoria do boi*
Yáñez González, Manuel	*O arador*

Alonso Estravís, Isaac

O arado vai fendendo a terra [2]

Eu chámome Xocas e son o máis novo de tres irmáns. Teño oito anos. Os meus irmáns chámanse Lolo e Sindo. Quérolle máis ao Lolo, porque o Sindo métese comigo e case sempre andamos de liortas. Non porque non nos queiramos, sinón porque ten que meterse sempre con alguén, e cando non ten con quen, métese comigo.

Aínda que son tan noviño ando case sempre co gando no monte. Non porque non me guste a escola. Non. Sinón por que os meus pais non teñen quen lles bote o gando pra o monte. Eles andan sempre a traballar e máis traballar, fozando como as toupeiras, pra podermos ter un pouco de comer. Pra podermos ir medio-comendo. Según meu pai, a vida está moi cara e os dos trabucos cómennos.

Levo tres vacas: a Rubia, a Marela e a Morena. A Rubia é moi mansiña. Déixase munguir e acariñar por calquera. A Marela ergue os pes e dá couces cando se lle quere munguir, e sóio lle deixa facelo á miña nai. A Morena arestoras anda preñada de seis meses. Levo tamén unha xata amarela moi bonita e un touro moi grande de cor castaño. Tamén boto unhas poucas ovellas e, de cando en cando, unha porca cos seus bacoriños.

Os meus irmáns traballan nas leiras. Desterroan, achanzan as leiras, poñen sebes e fan valados. Sementan o centeo, as fabas, os garabanzos, o millo e máis os nabos. Cando é o tempo botan tamén as patacas, fan a seitura e a malla, rozan os toxos, levan o estrume pra a corte, cargan e descargan o esterco e esparéxeno. Sachan as patacas e o millo. Arríncanlle grama, miallas e pe de pita.

A min gústame saír ás leiras cando todo o mundo anda traballando nelas. Ver o que fan uns e outros. Ver cómo a terra se remove, se pon en liñas reutas e se cadran as parcelas. Ollar o panasco medrar, saír as frores, correr por entre os sulcos a auga, estar á espreita dunha toupeira que solprendo no seu farexo ou dun paxaro que anda á precura de cibo. ¡Contemprar a fartura toda que sai dela!

Parece como si sentira que me agarraran polo embigo e me ataran a ela. ¡É tan boa! Dános tantas cousas: pan, viño, patacas, fabas… ¡Todo! Sin ela non poderíamos vivir. Ás veces danme ganas de ser eu tamén terra. De ser unha leira traballada que dá pan ou patacas.

[2] IAE:357-358.

Terra que todo o dá. Que dá máis do que recibe. Que nos dá pra que nós lle diamos e logo nos devolve o mesmo. Que non se garda nada. Por algo di meu pai que cando un morre vólvese facer terra. A min tamén me sementarán o día de mañán cando morra.

Por algo os que están na Américas ou noutras partes do mundo, fora de Galicia, cando escriben din que teñen morriña. Eu aínda non sei ben qué quere decir esto. Perguntéillo a meu pai e esplicóumo. Pero non llo dou entendido. Eu coido que por eso os que teñen morriña queren facerse terra, xunguirse novamente coa terra. Sángalles o corazón porque lles debe faltar un anaco do seu. Ou porque a terra que levan en sí rebélase ante outras terras alleas.

A min gustaríame ser grande pra poder traballar coma meus irmáns. Cando non teño que facer ou cando meu pai ara as leiras da veiga, eu vou detrás del e cóllolle a rabela do arado. O meu pai axúdame a dar a volta e eu vou moi contente, porque vexo que xa vou sendo grande e vou vendo cómo o arado vai fendendo a terra e cómo sai dela unha lentura cun bafo como si debaixo dela se estivera queimando algunha cousa. Cólloa nas miñas mans, lévoa perto dos ollos pra vela mellor, arrímoa ás miñas orellas por si a collo tremendo ou pra ver si ten corazón coma as persoas. Gozo axudando a xunguir as vacas, que no meu pobo faise á molida, pois según me dixo o meu Lolo nalgures faise á canga, que non entendo moi ben cómo pode ser eso.

Teño moitas, moitísimas ganas de ser máis grande pra entender moitas cousas que hoxe non entendo. Quero saber qué lle fai a terra ás sementes pra que nazan e medren tanto. Quero saber cómo unhas sementes medran tanto e outras tan pouco. Cómo dunha pina tan pequerrecha sai despóis un piñeiro tan alto, e dunha pataca grosa uns ramallos tan pequerrechos. O meu pai dimo, pero eu non lle entendo. Moitas veces enfádase porque son tan perguntón.

Do meu pobo foise moita xente, e disque pasa o mesmo cos outros lugares. Somentes vai quedando a xente vella e os nenos coma min. A xente quere ganar diñeiro, quere ter máis. Pero eu non dou entendido por qué teñen que ir lonxe arar outras terras e sementar outros eidos. Ir lonxe co perigo de morrer fora, estar separados da familia e ter que escribirlles cada dous ou tres días pra abafar a morriña que os tolle.

Penso que os nenos galegos somos os que debemos arar e sementar a nosa terra. Debemos pornos de acordo pra non saír ningún aínda que nos digan o que nos digan.

Eu colleréi axiña o arado, estudiaréi todo e faréi que a miña terra, que é tan boa e tan garimosa, sexa a terra de todos: dos que estamos e dos que se foron.

Arar outras terras e sementar outros eidos sendo un de onde é, non val a pena.

Álvarez Blázquez, Xosé María

Milagre do bispo Atheulfo [3]

Finouse don Theodomiro, varon religioso et santo,
et en seu lugar soçedeu Atheulfo, et foy ordenado
obispo ena santa see do Apostolo Santiago.
Et morto don Renamiro soçedeu eno reinad o
seu fillo Ordonio, et aa fin deste Atheulfo perlado
soçedeu no lugar santo outro Atheulfo, obispo santo,
o qual foy ende acusado de sodomía, de quatro
seus criados et serventes de egllesia, et foy lançado
ena praça, porque ouvese seer con huun touro bravo.
Fezérono por razón de tan feo et gran pecado,
porque súas carnes fosen rot as et en tan gran es paço

[3] XAB4:34-36. Este investigador do noso mundo medieval sostén que algunha das vellas historias rimadas en galego pasaron prosificadas ás páxinas das crónicas e, neste seu discurso, trata de rastrexa-la existencia desa épica en verso galego que el cre percibir latente nas versións en prosa de certos relatos medievais con pretensións de históricos. O tema do bispo compostelán Ataulfo forma parte do que el chama *Cantar de Compostela.* Cando fala da *Coronica* refírese á *Crónica de santa María de Iria.* O asunto de Adaulfo II, bispo de Iria e Compostela, do século IX, consiste en que, tentando combate-la corrupción do clero, foi acusado de sodomía. O rei Afonso III someteuno á proba do touro para que demostrase publicamente a súa inocencia. Ceibáronlle un boi bravo e este, en vez de atacalo, achegouse a el mainamente. Demostrada a súa inocencia con esta proba, considerada *xuízo de Deus*, retirouse a vivir en soidade. Este tema sería tratado posteriormente tamén por Lorenzo Varela, como veremos máis en diante.

postas aa vergonça et morte por aquel tourotan bravo .
Mais como a merçee de Deus non leixa desanparados
aa os que confian en ella, et porque o obispo santo
era sen culpa, libroo Deus, como adiante dirávos .
Veendo asi o santo obispo [como o avian] condepnado
por sentença tan cruel et con testemoio falso,
levantouse de mañáa aquel dia sinalado
que o asi avian de lançar ao touro, et confiando
da piedade de Deus, celebrou missa con manto
de pontifical; et a missa acabada asi o tomaron,
tal como estava vistido, et muy cruelmente o levaron
ao touro. ¡Miragre de Deus! A como quer que os carrascos
a aquelas oras poseron caes ao touro et comenzárono
garrotar por lo ensañar porque viese ao bispo santo,
et a como asi lle poseron os cáes et agarrotaron,
et lle asobiaban para lo ensañar, o touro bravo
nunca curou de facerlle mal nenhuun ao bispo santo.
Antes se foy a sentar de giollos ante él manso,
como se fose cordeiro, Et entonçes o bispo santo
o tomou por los cornos, os quaes lle logo ficaron
enas maos, et o touro foyse en paz da praça , et quando
el rey et os que estavan ende viron miragre tamaño
foron moito espantados. Et os seus falsos criados,
que lle erge ron testemoio falso foron justiçados.
Et leixou a denidade et maldiso o bispo santo.
Et foise para as Esturias, onde viver apartado ,
et se finou ena era de noveçentos et quatro.



Milagre do bispo Adaulfo (Lorenzo Varela: *Catro poemas galegos*).

Testo da Coronica

Et finouse (o dito) don Theodomíro, santo et religioso varon,
et soçedeu en seu lugar Alteulfo et foy ordenado
obispo ena santa see do Apostolo Santiago.
Et morto Renamiro soçedeu eno reino
Ordonio, seu fillo. Et aa fin de Theulfo obispo,
soçedeu eno Santo Lugar outro Atheulfo, obispo santo,
o qual foy acusado de sodomía de quatro
seus criados, serventes da egllesia, et foy lançado
ena praça con huun touro bravo.
Fezereno por razon de tan feo et (tan) gran(de) pecado;
porque suas carnes fosen ronpidas et en tan gran(de) praça
postas aa vergonça er (aa) morte por aquel touro.
Mais como a misericordia de Deus non desanpara
a aos que en ella confian et porque o santo obispo
era sen culpa, libroo Deus como adiante dira.
Veendo así o santo obispo condepnado
por sentença tan cruel et con (tal) falso testemoio,
levantouse (muy) de mañaa aquel día
que así o auían de lançar ao touro; et confiando
da piedade de Deus, celebrou missa con vistimenta
de pontifical; et acabada a missa asi o tomaron
como estaua vistido (ena vistimenta) et muy cruelmente o levaron
ao touro bravo, ¡miragre de Deus!, a como quer que
a aquela oras poseron os caes ao touro et comenzarono
(de) garrotar por lo ensanar, porque viese ao santo obispo;
et a como (que) así agarrotaron et lle poseron os caes
et lle asobiaban por lo ensanar, nunca o touro bravo
curou de lle fazer mal ao santo obispo,
antes se foy a sentar de giollos ante el manso
como se fose cordeiro. Et entonçes o santo bispo
o tomou por los cornos, os quaes lle logo ficaron
enas maos, et o touro se foy en paz. Et quando
el rey et (todol)os que ende estauan viron a tan grande miragre
foron moito espantados; et os seus falsos criados,
que lle levantaron (o) falso testemoio, foron justiçados;
et o santo bispo leixou a denidade el maldiso (el)
et foiise pra as Esturias,
et fionouse ena era de noveçentos et quatro.

Álvarez Limeses, Xerardo

A señora vaca [4]

Ehí vén pol-as veigas
a señora vaca,
paseniño a paso,
camiño da casa.

O manto amarelo
a coróa branca,
co xentil apouso
de unha dona ranza
saudando pra as veiras
como aquil que manda.

Abríronlle a porta
e formouse a garda.
¡Falando cos ollos,
que é como ela fala,
entrou no cortello
a señora vaca!...

[4] XAL:65.

Amado Carballo, Luís

A vaca [5]

Nos seus ollos sangrentos,
que beben luz de sol a longos sorbos,
refréxase o paisaxe soñolento.

E no abrazo de pedra dos seus cornos,
no cruceiro que ergue a sua testa,
a azul merancoría do paisaxe
crucificada está na sua tristeza.

O seu fociño húmedo de campo,
bicado pol-o orballo da mañán,
lambe a lembranza dos seus fillos idos
que os seus tetos agora añorarán.

Tan fillo como os seus é o rapaciño
que mamou no seu peito maternal,
e que agora, xa home ben comprido,
condúcea pol-os campos do ronzal.

E no inxenuo candor das alboradas
ela pensa na corte de Belén,
onde foi santa aos pés do Deus meniño
na ledicia primeira d-unha estampa.

Os seus ollos afúndense no ceo
mirando o día que afoga no mar,
e nun longo salayo de crepúsculo
ela envolve a saudade do serán.

Anónimo

RELACION
DE LAS FESTIVAS
DEMONSTRACIONES
con que la M. N. Antigua y L.
CIUDAD DE LUGO,
CABEZA DE PROVINCIA,
Voto en Cortes del Nobilissimo
Reyno de GALICIA.
EXPRESSÓ SUS JÚBILOS
En la Aclamacion Plausible de
N.tro Catholico Monarcha
EL SEÑOR
D. FERNANDO VI.
(QUE DIOS GUARDE)
desde el dia ocho de Octubre de
este presente año de 1746.
En SANTIAGO : Por BUENAVENTURA AGUAYO,
Impressor de la Santa Iglesia,
en la Rùa-Nova.

Desde un Polo al otro Polo,
todo el terrestre Emisferio.
Hombres, Mugeres, y Niños,
Hasta los mas cadùcos, los mas viejos.

Todo genero de Estados,
Plebeyos, y Caballeros.
oygan los rudos bocablos
de mi poco versado ronco plectro.
Sepan las Fiestas, que ansiosos
todos los Lucenses Pechos
tributàron reverentes
Al mas Inclyto Rey
FERNANDO SEXTO.

Todos mi voz escuchad,
oid todos mis acentos,
presentadme atencion un rato,
censurad cmo doctos, que yà empiezo.

Sabed, pues, que en esta Corre,
Colonia, que en otros tiempos

[5] LAC2:99-100.

fuè Solio de los Romanos,
Casa Real de los Godos, y Suevos.

En esta fuerte, y lucida
Plaza, que con todo esfuerzo
supo rendir, sin rendirse,
ni aun à duras fatigas del mal tiempo.

En esta Bethelem Bella,
Que interpretada es lo mesmo
Bethelem, seu Domus Panis,
Casi siemrpe de un Pan, que es
(Pan del Cielo.
En esta Depositaria
de los Tesoros Supremos,
pues aquí de sus prodigios
echó la Omnipotencia los excessos.

Aquì, donde noche, y dia
en continuados esmèros,
tenemos a nuestros ojos
al mas fuerte Leon, Manso Cordero.

Aquí, donde aquella ESTRELLA
del mas claro lucimiento,
con OJOS GRANDES nos mira,
Argos sobre las Gentes de su Pueblo.

Aquí, donde el HIJO, y MADRE,
sin dexarnos un momento,
tienen todas sus delicias,
que en los hombres estrivan sus
recreos.

Aquí, de donde los Nobles
todo su Orgien tuvieron,
pues solo de esta Ciudad
las Noblezas de España descendieron.

En esta lustrosa Estancia,
en este hermoso Recrèo,
en este Pensìl de Flòra,
En LUGO, que assi todo dicho tengo.

Para dàr la Aclamación
a su Rey, Señor, y Dueño,
dispusieron unas Fiestas,
en que mas que el primor luciò el
afecto.

Pues respecto del amor,
que concibiòtodo el Pueblo
del interior regocijo
ni aun la sombra expressarô los
festejos.

Dispusieron, que el dia ocho
sea del gozo el primero,
y con corrida de Toros
empezò sus delicias el contento.

Decir aqui lo bizàrro
de la Nobleza, que á empeño
saliò à la Plaza, bien fuera
pretender escalar el firmamêto.

Pues bastaban las Deidades,
que como tales se vieron
en Ventanas, y Balcònes,
para agotar el numê mas êtero.

Pues què de los Ciudadanos?
Què de tanto Forastero?
Què de costosos aliños
De oro, y plata en los trages?
¡Què portento!

Assi esperaba el Concurso
vèr aquel Bruto en el Cêrco,
que sinò al Signo de Tauro,
al mismo Tauro excede en lo
sangriento.

A este Paysano derriba,
à aquel Truhàn hecha al buelo,
al Licenciado acomète,
y aun se burla furioso del acèro.

A este le siguiò el segundo,
y los demàs se siguieron,
tan feròces, que ninguno
podia decir qual de ellos fuè el
primero.

De fenecidos los Toros,
las luces amanecieron
en tanta luz, que la noche
se perdiò por entôces su derecho.

Pues en tanta claridad
se mirò el Lugar entero,
que los Pàjaros cantando,
buenos dias de noche a todos dieron.

Tanta variedad de Antorchas
en Plaza, y Calles se vieron,
que nadando en resplandores,
empezaron à arder el ayre fuegos.

Fuegos de tanta belleza,
que mostraba bien su estruendo,
que festejaban à un Rey

en Campañas, qual Marte, todo fuego.

Bombas, Montantes, y Ruedas,
Cubos, Fuentes, Palmas, Truenos,
todo era primor, y gala,
toda a vista, y oìdos embelesso.

Dos Balcònes, que a la Plaza
salen, ocupan atentos
los Instrumentos, que acordes
diestramente primores exercieron.

Violines, Obuès, y Trompas,
con un sueve embelesso,
Tocàtas, Jigas, y Marchas,
sin cessar alternàron con concierto.

Despues de dos horas largas,
que incessante durò el fuego,
quatro diferentes Dànzas,
à qual de mas primor rìcas salieron.

Estas Dànzas, las disponen
de la Ciudad quatro Gremios,
y cada cual procuraba
ser en todos aliños el primero.

Con que yà colegiran,
yèndo cada qual à empeño,
que en competencias serìa,
el lucir primoroso, y con excessos.

Assi se ocupò la Noche,
hasta que quiso Morfèo
mostrar sus jurisdiciones,
sujetando à dormir al mas despierto.

El nueve, que ha sido el Día
de Aclamacion, y Passeo,
fuè Dia, que: mas què digo?
Como podrè elogiar Dia tan nuevo?

Fuè Dia de tanta gloria,
que sin hypèrbole pienso,
que à no tener fin el dia,
fuera Dia, sin duda, de los Cielos.

Vaya un bosquèxo de Plaza,
sinò del mayor recrèo,
donde la Noble Ciudad,
para la Aclamacion dispone el puesto.

En el Consistorio forman
un Trono, en un todo Regio,
en el que està como vivo
nuestro Rey, y Señor
D. FERNANDO EL SEXTO,

A la izquierda de este, otro
costosamente erigieron,
de punta â punta adornado
de vistosos tapices muy del tiempo.

Por Alfombras se pisaban
Carmesìes, Terciopelos,
que à nuestro Alferèz Mayor
el afecto no dexa lucír menos.

Para Magestad, y Sitio,
con las Milicias del Pueblo
formaron Cuerpo de Guardia
con el règimen justo de orden Regio.

Lugar de Guardias de Corps
ocupan los Granadèros,
y Bayonetas caladas,
Centinelas le sirvê à su Dueño.

Assi, dispuestas las cosas,
ya vino llegando el tiempo
de que hiciessen sus entradas
los bizarros primeros de los Gremios.

Estos entran por sus turnos,
todos de lucir diverso
y en la variedad consiste
del aplauso el vistoso lucimiento.

El Gremio de San Antonio
entra en la Plaza el primero,
con su Dànza bien dispuesta,
y un vistoso enigmatico embelesso.

Venian porcion de Moros,
muy propios en su remèdo,
igual parte de Christianos,
cada qual con su Moro esclavo,
(y preso.

Del piè arrastra las cadenas,
y con los rostros risueños
mostraban que en ser de Epaña,
es libertad, y gloria el captiverio.

Y assí lo publican gratos
de sus tarjetas los ècos,
que à competencia fixàdos
de tus hombros pendian los conceptos.

Cerraba esta hermosa Tropa
el Campeòn mas Guerrero,
UNICO PATRON DE ESPAÑA,

TUTELAR DE GALICIA,
HIJO DEL TRUENO.

Quatro hermosos Serafines,
à toda costa dispuestos,
à SANTIAGO acompañaban,
pendiendo de tus manos mil trofeos.

Anónimo

Casos e cousas [6]

Morreulle unha xubenca a Xan d'a Rua
e berrando chorou a desfortua [7];
mais morreulle unha filla e soilo dixo:
"Teño que ter pacencia, Diol-o quixo".
Os que saben sentir â súa maneira
teñen o corazon n-a faltriqueira.

Añón, Francisco

A leiteira [8]

Ergome a'o abrir d'o dia [9],
inda alumea o luceiro,
e'en chegando a algun regueiro [10]
bautizo con auga fria
o leite d'o meu pucheiro,
porque mellor aproveite.
¿Quén merca o leite?
Madrugueiros estudiantes
hacho ô pasar pol-a veiga,
e detéñenm'os tunantes
pedindo nata, manteiga, [11]
e que sei eu... ¡badanantes! [12]
mal fogo de Diol-os deite.
¿Quén merca o leite?
Cando eu entro pol-a vila [13]
todos inda están n'a cama [14]
en doce calma tranquila, [15]
¿quén de sono os espavila? [16]
Eu que vou chama que chama
hastra qu'alguun s'endireite
¿Quén merca o leite?
E desperta algun señor
abrazando â compañeira
entre suspiros d'amor,
pero gracias â leiteira [17]
qu'entre seus brazos a estreite.
¿Quén merca o leite?
Corro á vila sin parar [18]
n'a cabeza pósta a cesta, [19]
que relouco por comprar
un adrezo para a festa,
figa, rosario e pieite.
¿Quén merca o leite?
Tamen hey comprar xabon
e unha cartilla de aceite,
mas, ¡ay!, dou un tropezon, [20]
adios figa, adios pieite;
¡Dios mio! ¡qué compasion!
¡Adios adrezo, adios leite!

---

6 An6: 5.

7 No texto: *dosfortua*.

8 FAP1: 8. Transcribímo-lo texto publicado n'*A Gaita Gallega* (1886) indicando en nota a rodapé as diferenzas que se introducen no publicado n'*O Tío Marcos d'a Portela* (1887).

9 No texto: *á o* (*O Tío Marcos*).

10 No texto: *á algun* (*O Tío Marcos*).

11 No texto: *pidindo* (*O Tío Marcos*).

12 No texto: *Banadantes*! (sic, *A Gaita Gallega*).

13 No texto: *pol-a Vila* (sic, *A Gaita Gallega*).

14 No texto: *n-a* (*O Tío Marcos*).

15 No texto: *in* (sic, *A Gaita Gallega*).

16 No texto: *quen, d'o* (*Tío Marcos*).

17 No texto: *â Leiteira* (sic, *A Gaita Gallega*).

18 No texto: *a Vila* (sic, *A Gaita Gallega*); *â vila* (*O Tío Marcos*).

19 No texto: *n-a* (*O Tío Marcos*).

20 No texto: *mais* (*O Tío Marcos*).

Araúxo Iglesias, Emilio

O xugo [21]

Ó empardecer
está un vello
cortándoo en cachos,
cunha serra,
que coa machada non pode,
pola vista,
coa serrucha,
o xugo das vacas,
co sitio para a cabeza,
co sitio das sogas,
coas mazas,
e coas mallas.

A vaca caldelá [22]

Non sentían o frío,
acabábanse a poder de anos,
negra e co fuciño branco,
non coxeaba nunca,
tirando dos carros
desde a ribeira,
viña o Xoán de Aguil
con tres xugadas,
traía se cadra
un bocoi de trinta canados
e tres botos,
viña o Xoán de Aguil
da Teixeira,
das bodegas da Carosa,
con tres xugadas,
e traía un bocoi
de trinta canados
e tres botos de becerro
no carro,
o bo foise retirando,
hoxe as vacas
só valen para cagar
e dar leite,
a vaca caldelá
era gando de traballo,
tiña unha lista castaña
polo medio do lombo,
e os cornos ben feitiños,
coñecen mellor ó dono ca ningunha,
os cascos da caldelá son moi duros,
cascos coma o ferro,
estas vacas para o carro
son as propias,
para o traballo eran boas,
facíanse moitos carretos,
moi duras,
comer comería pouco,
mais para forza non había coma ela,
podía xunguirse hoxe e mañá,
e durmir ata coa mulida posta.

A tapada da crega [23]

Polo mediodía
o pai e o fillo
andan cargando herba nun lameiro,
o fillo bótalla coa forcanza
e o pai vaina terciando
na cima do carro,
no chan e alí a un lado
está o sedeño,
a temoncela,
dous xugos e as molidas,
entón óense berros
alá embaixo
dun home e dunha muller
que pasan coas vacas
entre os carballos e os bidueiros:
Cachorra ei, ei vaca ei,
Cachorra ven, Cachorra ei,
Cachorra ei,
e despois queda todo calado e calmo
coma as sombras das cousas
agarouzadas dentro dunha ola azul
e coa orella rota,
por alí tirada en calquera sitio.

[21] EAI: 83.
[22] EAI: 112.
[23] EAI: 71.

Armada Teixeiro, Ramón

Sen título [24]

Collendo alcacér pr'o gado,
cantabas un a-lá-lá;
y-os paxariños decían:
¡qu'hermosura de cantar!

Cabana, Darío Xohan

A vaca [25]

A vaca é paz e fartura,
a ledicia dos labregos,
honra e proveito da corte,
galanura dos pasteiros.
A vaca fai o traballo,
a vaca dá leite fresco;
da vaca sae a manteiga,
os becerriños e o queixo.
Os becerros son os cartos
dos abonos e os aveños.
O leite é parva e é cea
con rafas de pan centeo.
Se non fose pola vaca
¿que sería dos labregos?

Cabanillas, Ramón

Mal de ollo [26]

Foi â bocanoite, ô punto
que rompía a estrelecer.
Diante do carro, a pasiño,
c-o rapaz a carón d-él,
viña baixando o camiño
que leva ô pinal do Rei.
Os morcegos revoaban
a tecer e destecer
os seus agoiros.
Doída,
unha campana tanguéu.
Súpeto os bois recuaron
e romperon a tremer
c-os ollos arregalados,
fitando pra non sei qué.
Tensóu a corda e falóulles:
"¡Ei! ¡Qué demo tedes! ¡Ei...!"
mais, ô revirarse, o gando
guindóuno en terra, e fuxéu
muxindo, tolo, abravado,
sempre a tremer, a tremer...
Pasoulle a roda por riba
e pillándoo de través
esmagóulle a arca do peito
¡Daba compasión de o ver!
¡Quedóu c-os ollos abertos
fitando pra non sei qué!
Ôs berros do rapaciño
chegóu correndo a muller.
¡Pobre! ¡Ficóu alelada
sin dar a man nin a pé!
Con tres filliños que caben,
debaixo d-un cesto os tres
e coa sogra encamadiña...
¡quén lle terá de valer!
¡Os bois foron dar ô río
sempre a tremer, a tremer,
c-os ollos arregalados
fitando pra non sei qué!

[24] RAT:1.
[25] DXC2:77.
[26] RC2:242-243.

Calvo Gómez, Fermín

Sen título [27]

Teño carro e teño vacas,
e tamén teño un arado;
e unha grade para agradar
cando me fai falta.
O arado é de carballo,
a cabezalla é de piñeiro,
e a armazón do carro
é de castiñeiro,
as rodas de carballo,
a cabezalla de eucalipto,
os coucillóns de salgueiro,
e o eixo de abeneiro.
Teño un carro
e teño un arado.
Teño a grade,
todo feito da man
dun carpinteiro.
O carro é para ir ó monte,
e tamén para ir a herba.
O arado para derregar
todo o ano que fai falta.

Carballo, X.M.

A Cuca [28]

Se eu tivera madeira de escritor, ben seguro que tiduaría este conto: "Apuntes prá historia dunha vaca escritos con certa mala *leche*".

Ben, o caso é que das cinco vacas que tiñamos daquela, a Cuca nunca me entróu polo ollo dereito. Era pinta santanderina. E digo santanderina por decir que era de algures, porque ser era filla dunha vaca pequerrecha expatriada sin cornos de Suiza; que nesto da selección os suizos non se andan con argalladas, tanto na selección das vacas como na dos emigrantes que eles precisan pró seu desenrolo, como, incluso, anque nesto son menos escrupulosos, na selección dos cartos que reciben doutros países e que eles meten en grandes caixas fortes nos seus bancos entre boliñas de alcanfor pra que non se perdan. Pero, se lles é igual, deixemos esto dos cartos, que certas cousas canto mais se remexen, máis tafio ceiban, e tornemos á Cuca.

Ó pai non tivo o placer de conocelo. Fora un touro maxistral de Castro Verde, medalla de ouro en varias exposicións, ó que os adiantos da tecnoloxía deshumanizaron reténdoo prá inseminación artificial. Tivo en troques a compensación de facer cría pra media España; pero nunca ningún fillo lle quixo como se lle debe querer a un pai.

Xa o día que no-la trouxeron tivo un xeito de ollar [29] ás outras, catro, todas elas de pura raza galega, chapeadas pola Dirección de Ganadería e todo, que me infundíu sospeitas e dixen pra min: -*Non sei se non serás moi esquisita pra este país, amiga*. Aquela noite non houbo maneira de facerlle atravesar bocado á cea; e ó día seguinte, cando as botamos a todas pacer, nin se dignóu ulir as herbas. ¡Cheiraríanlle se cadra! Todo se lle volvéu pasear darredor do lindeiro con un contoneo que non che digo eu. Siquer..., ela de caderas non era tan ben feita que digamos.

A Teixa, de cando en cando, erguía os seus grandes ollos melancólicos do chán e coma o que non quere a cousa, co aplomo que sempre foi característico desta sufrida raza galega ollaba pra ela, ollaba pra min e xenegaba a testa con un lixeiro bufido como decíndome: -*Esta seique é moi fina*. ¡Que ben nos entendiamos a Teixa e mais eu!

Fina sí era, ou iso cavilaban os veciños que sempre a vían lustrosa; claro que eles somentes a vían despois de maquillarse, ou sexa: despóis de que lle pasásemos unha rasqueta polo lombo ou por donde cadraba; pero tiñan que vela cando se erguía polas mañás, toda enzarafoulada en... ¿pra qué decilo? O mesmiño, o mesmiño que as outras. As outras, a Teixa,

---

27 XLOC:74. Recollido de Fermín Calvo Gómez, regueifeiro de Coristanco.

28 XMC: 24-32.

29 No texto: *ollas*.

a Roxa, a Cachorra e a Figueira ainda tiñan disculpa; porque moitas veces, cansas de traballar polo día non estaban á noite pra séculas e deitábanse de boa gana donde cadraba sin andar apalpando moito; e xa se sabe.

A Teixa, que fora criada na casa, sempre tivo o mando indiscutible. E non tente Xudas a naide a matinar que era un mando ditatorial ou tiránico. Non. Era unha especie de respeto que as outras tres lle profesaban por unanimidade. Somentes quixo discutirllo a Cuca xa ós oito días de chegar á casa. Cando viñan un día á noite pró curral [30], comenzóu a meterlle forrascadas, forrascadas por detrás, cos seus cornechos vergoñosos. A Teixa deixouse ir coma se tomara a cousa por un xogo hastra que lle enchéu abondo os fuciños e daquela, sin inmutarse ben nin mal, con toda a súa santa pachorra, sin o máis lixeiro asomo de violencia, enveredoulle unha fozoada que a sentóu de cu, con perdón, nun alboio que temos alí.

Aquel día todos tomamos café á cea e á Teixa [31] démoslle unha ducia de espigas pola gran lección de autonomía que nos dera.

Endexamáis foi vaca pra botar un rego, nin siquer pra aterrar unhas patacas. Cómo tiña o pescozo tan delicado, ¡afogábase a pobriña!

Eran as outras, as sufridas do país, as que tiñan que traballar pra ela, pra sí, pra nós, criar os becerros e dar un goto de leite, que aínda non sei, miñas pobres, de donde o podían quitar nin como podía ter a grasa que tiña; porque poñer, poñía unha cabeza que namoraba [32]; en cambeo, o dela, dito aquí entre nós, era unha cousa azulada que a algunha persoa reparada non estaba libre que lle dese un chisquiño de noxo. E iso que non podía pasar sin o seu latón de pienso ós postres de cada comida; que se non non se sostiña. ¡Cómo se sostiñan as do país, larpeira!

Matinando nesto un día resolvemos mercar un tractor, anque xa nos dixeran nun curso do PPO e mais os de Extensión Agraria que un tractor non é rentable con solo cinco vacas; pero se tocan a folgar, na nosa casa tanto dereito ou mais teñen a folgar as do país como as de fóra. Despóis as outras entre elas chuzgábanse o ollo e sorrían polo baixo. Facían ben. Ainda un día que andaba alindando a Roxa e a Cachorra pola corda alí por trás do horto, ceibaron unhas picadas que abofé me fixeron estoupar a rir. Se non fora porque hai que ser precavidos e non botar mais gasolina de riba do lume, habíalles tirar ben pola língoa.

A Teixa tomóu a cousa a peito como corresponde e ó quedar descansada brincóuse en trece litros de leite preñada de catro meses e todo, pra que despóis digan que as do pais non son calidosas. Pero ¿vaia que non sabedes o que discurríu a boa santanderina (o de santanderina é un decir, xa se sabe), pra seguir mantendo o prestixio?

Pois meteulle na cabeza o demo, que santo bon non o foi, ir preguntándolles a cada unha das outras cando as atopaba por separado: - "*Tú sabes si tendré que hacer declaración de renta? Es que como yo doy veinticinco litros de promedio... pues eso*". Non era certo que dese eses litros nin moito menos, é que como ela era moi creída igual que case todas esas que se pasan de espipiritadas, repetía as mentiras que lles escoitara decir dela ós tratantes nas feiras.

As outras somentes lle respondían sin facerlle moito caso: -*¡Bo!*. E seguían pra diante. Solo a Figueira, que se chamaba así porque de pequeniña tivera moitas verrugas i era medio retrasada mental [33], lle prestóu unha certa atención pensando máis en sí mesma que nela e díxolle: -*¡Ai, pois se cadra si! ¿E iso afecta algo pró subsidio? Igual tiña que facer eu tamén algunha declaración desas*. ¡Que declaración había ter que facer ela, miña santa, se co extrumadiña que quedara despois de carrexar todo o esterco prás patacas e [34] pró millo, non tiña máis líquido imponible no seu corpo que a auga que bebía!

---

30 No texto, por erro: *currar*.

31 No texto, por erro: *Teixe*.

32 No texto. *un cabeza,* errata editorial confirmada polo autor. Fagamos constar que *cabeza* significa tona do leite, alomenos en Sobrado, Guitiriz e Pereiramá.

33 O leite que botan os figos verdes ó arrincalos emprégao algunha xente para combate-las espullas. De aí posiblemente veña o nome de *Figueiras* que se lles pon ás vacas que teñen espullas. Ver máis datos no capítulo 8.5.12. *Patoloxía: papilomatose*.

34 No texto: *é*.

Dalí a pouco de mercar o tractor tamén decidimos poñer as cortes de cemento que por onde eu son chámanlles "cuadras modernas". Queremos ser mais papistas que o papa, porque en Madrid ás cortes siguenlles chamando cortes. O de poñelas de cemento non presupón que tivésemos millorado no nivel de vida, é que ou renovarse ou morrer reventados de arrincar no esterco e apañar no molime. Daquela sí que coidóu que lles iba dar a gran lección; porque ela xa tiña experiencia neste tipo de cortes. Mentres que as outras o día do estreno entraron amodiño, arrastrando os pés polo cemento, tentando de non esbarar e con moito medo, ¿por qué non decilo?; ela entróu moi erguida con paso de cabalo, foise dereito a un comedeiro, pechámoslle a cuellera e púxose a remoer tan tranquila. Xogo o pescozo que se puidera sentarse, acabalgaría a perna con moita ostentación; porque naquel intre tódolos seus movimentos estaban estudiados con precisión maquiavélica pra asoballar ás do país. Ben se decataba de que non lle quedaban xa moitas bazas e tiña que xogalas ben xogadas.

As catro que sempre estiveran en cortes de esterco estaban francamente avergonzadas e ollábana con certa envexa polo seu dominio dunha situación que pra elas resultaba necesariamente embarazosa.

Eu comprendías e dábanme mágoa. Sentíanse o mesmiño, o mesmiño ca min cando en certa ocasión nunha boda me atopei pra min soio con sete ou oito copas e vasos diferentes, catro tenedores e tres coitelos, algún de forma moi rara. E pra máis, tras min tiña un sillón que cando me quixen sentar, comencei a baixar, e baixa, baixa, baixa, sin dar topado madeira; e ó tempo de ir baixando facía un ruxido moi feo. Eu tamén ollaba disimuladamente ós convidados agardando que algún empezase con cada plato [35] en toda a comida non me estrevín a preguntar ¿Como se bebe eiquí?

En cámbeo a Teixa non tivo pelos na lingoa pra preguntar: -*¿E estes cazoliños serán pra beber?*

- "*Claro, idiota, ya se ve que no has viajado. Se bebe así*". A resposta salíulle á Cuca coma un lóstrego e coa mesma disposición metéu o bico no cazolo do bebedeiro, coidando que era deses que se chaman de válvula e hai que apretarlles no fondo pra que veña a auga; pero non [36] era deses. Era dos outros máis simples, dos de nivel, e como levaba tanto brío, esfachóu os fuciños contra a porcelana.

A Cachorra ceibóu un bufido especie de gargallada que nos sulfatóu de contado ós que estábamos por diante e zampóulle: -*¡Anda, lista, "joróbate" ahí!*. Bueno, "joróbate" precisamente non lle dixo; porque a Cachorra debido ó traballo dos anos pasados aínda é ben bruta e tamén a que de noviña pouco puido ir á escola que tivo que empezar cedo a traballar, non ten un léxico moi cultivado que digamos; pero se non lle dixo "joróbate" dixolle outra cousa, que entre galegos ben nos entendemos.

Entón a Cuca, queimando o último cartucho e limpando a unhas herbiñas un fiiño de sangue que lle corría do fuciño esquerdo, aínda tivo tótalos a decir: -"*En mi tierra con estos aparatos ponen folletos explicativos*". Na sua terra as subvencións do Ministerio de Agricultura deben ser ben meirandes que na nosa, porque aquí non dan pra tantas fachendas.

Xamáis foi posible que parise sen a presencia dun veterinario particular, que pra ela non servían os da Seguridade Social. I esto que ela tiña por unha honra, prás outras era unha deshonra; porque por vivir lonxe da capital, tiveran que aprender desde o primeiro parto a parir soliñas.

Nunca conocéu o placer de que un becerro lle supilase no ubre nin de darlle de mamar nin tan siquer de acariñalo lambéndoo. Botábaos a este mundo e logo había que criarllos á base de Pelargón, enténdase: leite en polvo. ¿Sería por iso que a cada parto sempre lle acompañaba unha mamitis que nos costaba máis de dez mil reás curarlle?

No millorciño da sua vida, ós nove anos xustos, deixou de empreñar pra sempre. Según me dixo en confianza un veterinario, que xa daquela non era dos do Réxime, foi debido a unha frixidez e a un endurecemento nos ovarios por mor de que sempre fora inseminada artificialmente, e máis tamén a unhas píldoras pouco experimentadas que lle

[35] Semella que aquí falta algún fragmento no texto.

[36] No texto: *no*.

aconsellara outro veterinario que fixera prácticas nos Países Escandinavos, pra programarlle racionalmente os ciclos.

Cando nos desfixemos dela pra morrer, nin tan siquer a Figueira con todo ser retrasada mental botóu un triste berro por ela. E ós poucos días funme enterando de que as do país entre elas non lle chamaban a Cuca, rebautizárana co alcume de "A Comenencias".

En vista de todo esto que naide pense que eu non estou polas vacas de leite. Teño que estar por elas, porque eu non son cego pra reconocer que as vacas de leite puxeron a andar a moitos. Boeno, a moitos non. Puxeron a andar a algúns dos que teñen centrales leiteiras. Claro que as do país tamén crían uns becerros que, polo visto, teñen unha carne que da gloria. A min contáronme uns veciños que un ano pola festa trouxeran uns poucos quilos pra probala e, según me dixeron, sabía que namoraba. Estes veciños meus trouxeron dez ou doce quilos da praza por ben pouco menos do que lles deixara un cuxiño bastante bon que eles mesmos criaran. Gustaríame que me reinase ser investigador e facer unha tese doctoral sobre este tema: "*De como los campesinos gallegos sólo perciben el producto de diez kilos de aquellos terneros y terneras criados, cuidados y mimados por ellos mismos que en condiciones desfavorables llegan a pesar ciento diez kilos canal*". Esta tesis nunca sería leída por naide porque os campesinos ben saben pra quén crían eses quilos de diferencia pero calan. E os outros tamén o saben pero fan a vista gorda e a concencia elástica.

Castro, Rosalía

Soberba [37]

Cor de promo amontónans'as nubes,
rodan lentas as ondas d'o mar,
e zoando con son pavoroso
ven o huracan.

¡Que cargado está o ceo e que triste,
qu'escuro, que negro tornandose vai!
Encendámo-l-a vela bendita,
qu'hay tempestá.

Cabalgando n'as alas dos ánxeles [38],
por mandado de Dios correrán
as centelas qu'asombran os malos
c'o seu lostregar.

Nove follas d'olivo queimemos
por que alexen de nos todo mal,
que nos libren de rayo e centela
que nos matar.

O trisaxio cantemos en coro...
Incrinaivos y á Dios adorai;
pois si trona é que quer recordarnos
qu'é grand'e inmortal.

¡Santo, santo!, din todos á un-ha,
fillos e nay...

Todos non, qu'un soberbo e sañudo,
calado está.

Mais os tronos afunden os ceos
e cega dos lóstregos ó brilo fatal.
¡Ou, que noite!... ¡Que noite terrible
de tempestás!

El Señor est'airado... ¡Incrinemonos!
¡Ey! malvados da terra, tembrai
O que salvo esta noite saíre [39],
que contar há.

-Ña nai [40], á vaca marela
tembra coma vos na corte.
¿Fixo algun pecado ela?
¿Virá un rayo á darlle morte?

-S'ela non fixo pecado,
mal cristiano, ti o fixeche;
qu'es pecador rematado
mesmo dendes que naceche.

-¿Y á probe vaca marela
paga, decí, o qu'eu pequei?
-Pagas ti; morrend'ela,
di, ¿con que te manterey?

---

37 RdC1:171-173.

38 No texto sempre que a letra *x* representa un son palatal escríbea con diérese; *anxeles.*

39 No texto: *sahire.*

40 No texto: *Na nay,* coidamos que *Na* é unha errata por *Ña* (<(*mi*)*ña).*

Comesaña, Antón

O Símbolo dos Camiños [41]

Pra *ALALÁ*

Quizáis hoxe en día non conserve Galiza nada tan de sí, e máis típico antr'o[s] vestixios d'un tempo xa ido, outro ser que refrexe cal un símbolo das costumes de todal-as épocas a través dos tempos, qu'o seu nobre e rudo carreteiro.

Quizáis non vos decatedes moitos d'esta [o]rixinal e curiosa verdade, pro hai que ter en conta que en calquer logar da paisaxe, no rincón do camiño, na branca sábena da carreteira, a súa figura chega a nosoutros. I-é de advertir que moito antes de que nós cheguemos a ollar, xa a súa presencea foi por nós descoberta. Pol-a simpre razón de que onde o seu carro cante, alí o noso home atópase sin dúbida algunha. Invariabremente, porque él é a estrela i-o seu carro a estela.

Hoxe en día, que vaise modernizando todo, o carreteiro galego semella non decatarse, e si fai conta, é pra qu'a súa figura esgrevia creza máis d'abondo ao noso ollar; percisamente, pol-o aislamento a que vese reducido, xa que o contraste que fai ao vieiro do mundo aloucado e veloz, amóstranoslo como un xigante carballo a quen nin o tempo nin o raio tumba. E por qué iso?...

Porque coa tenacidade propia da nosa raza, exercerá o oficio herdado dos seus maiores coa mesma fe e coa mesma forza con que aquéles o fixeron. Súa manifesta cativez, non-o botará da senda, nin os xordos e feros ruídos dos autos –seu impracabre nemigo– terán forza acotía para alexalo do camiño.

Sempre o veremos coa testa ben ergueita i-o seu caraites reservado ao frente dos bois e do carro. A través do tempo, qu'o respeta, mantense ergueita a súa esgrevia figura de loitador, tan tradizoal, como se fora o úneco sostén dentro da Patrea tan ferida.

O carreteiro galego, naceu antr'o sol e a montaña. D'eiquí a súa rusticidade, non valeira de dozura e agarimo, a pesar da súa estrana compaña, ou sexa, seus bois. Co eles e seu carro, fai as máis longas camiñatas, en laiante andar, día ou noite, faga sol ou invernía. I-ao seu paso, semellaría qu'o camiño se enchese non somente da saudade da súa alma, senón que vivirá a mesma vida que nós todos precisamos. Outras veces, á porta da pousada acouga das súas fatigas. E destonces parece qu'o seu misticismo revive e acrece. Dígao senón a cunca de viño e a bola de millo. Diante d'elo, a súa face anímase e adequire a eispresión máis chea de felicidade; da mesma maneira qu'o gando no cortello xurde satisfeito ante o feixe de herba.

No carreteiro, o corazón amóstrase sinxelo, en contraste co seu esprito rebelde a todol-os síntomas qu'o porvir supoñan. Un conserva, i-outro defende. Moitas veces, diluie o carreteiro os seus recordos n-un cantar. Esto soie ocurrir pol-o anoitecer, como si houbera certa vinculazón antr'o seu cantar e a melanconía da hora.

Na corredoira aldeán –que invita ao ensono–, a voz do carreteiro pregoa, a través das montañas, das veigas e dos ríos:

A vida do arrieiro,
eche unha vida pesada;
de día non ouze misa,
de noite non durme nada.

Pra nós, pra aqueles que coñecemos a súa vida, os versos qua súa voz grave entoa parecera que envolven o mesmo tono garimoso, qu'a nai emprega para a canzón de berce; coa úneca difrenza, qu'a nai, co seu canto, acala ao neno, i-este home, neno tamén, pretende alexar de sí a saudade que coa solermia da noite na súa alma se mestura.

Por eso eu dígovos qu'o carreteiro galego, a máis de ser un símblo, co seu carro e seus

[41] AC: 20 (o texto remata indicando que Comesaña *arranxou e traduxo do castelán*). Desta revista publicada pola Coral Galega 'Os Rumorosos' en Arxentina só se coñece este número, do que agora hai reedición facsimilar do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela 2007.

bois bermellos e lucidos, é tamén un namorado da terra onde loita e onde foi nado, un loitador a quen nin o tempo nin a competenza do século aitual faino rendir; e así como él loita pola súa independenza, deberíamos nós loitar pol-a de cada un. O carreteiro galego, de figura vaga e incerta na soedá da campía galega, semella un ente mitolóxico cuia soma p[r]oeitara na lexanía o camiño a seguir pol-os que sendo galegos, temos de amar a Galiza por sobre todo, e adicarlle todal-as nosas forzas e agarimos.

Costa, X. Bautista

O home das vacas [42]

Antas de Ulla, meu pobo, tivo sempre xente intelixente de sangre pura e sabencia propia, moi dados cada ún ó seu. Fanse servicios uns ós outros no que saben e no que poden.

Falo do Fidalgo de cando eu neno. O home aquel moito sabía das vacas. ¡Deus o que el sabía e falaba delas! Rubias, brancas, suizas, negras, valeiras, preñadas.

Decía que cada animal ten o seu ser io seu xeito, ou vocación, coma as persoas, fóra a ialma. Negras, nonas quería, nin son podentes nin se defenden da corrente eletricidade, son floxas. Io leite, augoso.

Non perdía feira na redonda e onde un viciño comprase unha vaca, alí presentábase o Fidalgo pra aconsellalo. A primeira ollada tensa e calada, pra dar xuicio tiña de facela dende atrás, a catro metros lonxe do traseiro.

Se o animal de súpeto tornaba a cabeza...nona quería, nin regalada, tiña traiduría e pateadura pra muxila. Despóis, poñíase diante, ollo con ollo hastra que ambos cravasen a mirada e se desen conta ún doutro. Se a vaca tiña conta da mirada, animal podente pro carro e lixeira nas pariduras. Se non tiña conta da ollada, vaca deble, pra sustos e abortos.

Tiña de certo cas vacas gardan secretos no rabo. El sabía destes segredos, indaque non todos, asegún abanase o rabo. Se o tiña canso sobros cadrís, era a vaca de boa crianza e pacenzuda. Se o abaneaba miudiño, leiteira e de fiar: era a sua vaca.

Contaban de cando a Xata do Garatuxas padeceu doencias de morte. O Fidalgo axudáralla comprar na feira de Santos en Monterroso. Leiteira, como non había outra á redonda, en cada muxidura, duas veces ó día ¡catorce canadas de leite do mellor!....

Un día a Xata do Garatuxas pechouse á comida io leite. Quedou pasmada, sen fala nin vida. Garatuxas foise ó Fidalgo, que morou a vinda. Dentro da corte, portas pechadas, meteuse cinco horas. Ó comenzo a Xata non fixo caso do Fidalgo, deitada facíase dormida, nin siquera rumiaba nin lle daba ollo. El diante, de pé e fumando un pitillo tras outro. Quentoulle os cadrís coas mans; escoitouna pegado as orellas da vaca... non ruxía.

O Fidalgo entón preguntou a Garatuxas desde cándo non comera a Xata e cal fora o derradeiro penso... -*¡Ah, xa, ta craro!*

Maquinou un brebaxe: mistura de ruda, allo mallado, aguardente da Ribeiriña e un ramalliño de marialuisa, todo morno. Verteuno nunha botella de plástico, fíxolla beber despaciño e cariñento. Deixouna un tempo. Namentras o Fidalgo atendera á Xata, o Garatuxas fora ó señor cura pra que pidise ó san Lucas io san Antonio pola súa vaquiña. Io señor cura, pra consolalo, viñera con el rezando cando o Fidalgo descansaba á Xata; encontráronse os tres. O señor cura preguntoulle:

-¿Qué, temos vaca, Fidalgo?

-Temos vaca, señor cura.

-E ¿qué tiña?

-Xa llo direi, agora que descansou, vou falar con ela. ¡Chiiiiii!

Meteuse na corte e soios, o Fidalgo ia vaca falaron uns dez minutos. Cando o curandeiro saíu, tornou o señor cura a preguntarlle:

-Pero, ¿as vacas falan, Fidalgo?

-As vacas falan, señor cura.

[42] XBC:31-33.

-E ¿como?

-Falan somellantes a vostedes cando len o latín. Penso que moitas veces nin saben ó pé da letra o que din, pero, polo denantes e polo seguinte e do que se trata, percátanse, así as vacas enténdoas eu. Sei o que din, pero, non lle é doado decilo. Eu xa sei que cando unha vaca non fala, é que non ten saúde

Agora direilles o que me dixo a Xata: "O penso que comeu antonte, a vaca non lle prestou. Os pensos de Friol e Vilalba...nin por eso. Eu nonos quero nin ás miñas llo darei".

Entón o Garatuxas pediulle razós, era verdade cos pensos ca Xata comera viñeran de Friol.

-Mira, Garatuxas, ises pensos teñen moita mistura de serrín de carballo, salgueiro e xestas, madeiras moi duras inda pra estómagos de ferro ¡caracio! Pra bestas... inda pasa, pra vacas leiteiras, non valen.

Non houbo outro home na parroquia que soupese tanto e tan acertado de vacas. A súa morte repentina sintiuse moito. Sentado nun tallo e cun pitillo nos beizos morreu nun ¡ai! ó ver a mellor vaca que tiña, non pudo valerlle nin á vaca nin a semesmo.

¡Teña groria!

Cotarelo Valledor, Armando

Quen moito fala... [43]

Vamos a ver, amiguiño ¿que será pra adiviñar?

"Pucho encarnado,
espora de aceiro,
manto dourado,
gran cabaleiro"

- ¡Sábacho Xúcaras!... Non-o atino.

- Certo que vostede é un boi farfantudo [44]: forza e pacencia, non se diga; pero asmo que debe sere algo babeco.

- ¡Leria, leria!..

- Pois son eu, Capitán. ¿Non me ve? Mire a miña crista bermella e os meus babeiros [45] deporondos; velehí o esporón recio e circio como rella; recrése neste prumaxe brandido e nestas âs que dan xenio. E conta que na adiviña marra este rabo meu que visto de resol, alolea. Pois como cabaleiro... Boeno: que falen as galiñas.

-O que és tí un chupón escachado.

UNHA GALIÑA (*cacarexando*)

"Tanto poñer, poñer,
e andar descaaalza...
Tanto poñer, poñer,
e andar descaaalza..."

OUTRA (*contestándolle*)

"E a cas do zapateiro
non-a saaabías"

BOI- *Muy farfulleiras son as tuas donas*.
GALO- *O fallo, mulleres*.
BOI- *Pois sábel-o que che digo?*

"Onde hai galo non canta galiña
senón que o galo teña morriña".

GALO- *Compre deixarlles espelirse, maormente tendo no corral alguén mais latricante*.
BOI- *¿Quen?*

---

43 ACV2b:6-10.

44 Só Aníbal Otero recolle esta palabra: "gordo, tieso, proán" [proán: "presuntuoso, jactancioso"].

45 No texto: *maus bebeiras.* Refírese á barbela colgante e vermella que teñen os galos.

GALO- *Martiña, a cordeira nova que noso amo mercou onte. Esa si que parleta, decindo unhas carocas... ¡Deus nos ampare!*
BOI- *Toda a sua cras é muy lareteira. Entón ¿qué dí?*
GALO- *Miragres e todo. ¡Martiña! ¡Ouh Martiña!!...*
OVELLA (*marmexando*)

"Moita festa hay en Belén
e tocan ferros e frautas,
iremos alá tamén
a lucil-as nosas gaitas.
Fálame muy baixo,
pétame pouquiño
pra que non desperte
o noso neniño..."

¿Qué queredes?
GALO- *Cóntalle logo ao señor Boi esas cousas que dis que viches.*
OVELLA- *Foi certo anque sía un pasmo. Veredes. Estábamos no monte, durmindo porque era noite pecha. O pegoreiro xunta nós e os cas roldando, non viñesen os lobos. Cando cata que no ar reloce un resprandor dourado. ¿Qué vos parece?... Non había lúa, non, aquela noite. Logo, entremedias do craror, aparouse un ánxel... ¡miña nai!... de estreliñas semellaba. E ouvimos tanguidos de música e olfateamos arrecender de caraveles... Quedeime estantía. Despois, unha voce manseliña, cal gorgoleo de fonte, decindo*:

"Vade pastoriños
vade pra Belén
adoral-o Neno
e a Virxe tamén"

Tódol-os pastores reloucaron de ledicia e fóronse decontado, con ferreñas e pandeiros beilando e cantando:

"Fálame muy baixo,
pétame pouquiño
pra que non desperte
o noso neniño..."

BOI- *Esas son orgalladas e tres mais.*
OVELLA- *Foi certo; foi certo. Que me coma o Xan se minto* [46].
BOI- *¡Oites! ¿Qué é aquelo? Ollade por alá, por derriba do valado ¿Quén son eses cabaleiros axexantes?*
GALO (*cantando*) *¡Homes de caaapa naaaldeaaa!!...*
POLO- (*ídem*) *¿Queeen morreeeráaa?...*
PITO (*querendo cantar*) *¡Probe de miiin!!...*
BOI- *Xa parece que liscan. Mais... ¡Presto, presto!... Fuxide vos tamén. Vexo o lobo cara eiquí.*
TODOS (*abrayados*) *¡O lobooo!!...*
BOI- *Si, si ¡o lobo!... Pero* [47] *¿qué socede?.. ¿Tresleo?.. ¿Estou bébedo? ¡O Xan deitado á par da Martiña!.. ¡Asús, asús! Nunca tal se víu.*
GALO- *Será algún feitizo ¡Meigas fora* [48]*, meigas fora!*
BOI- *O demo anda ceibe. Ehí está tamén o volpe. Xan e Pedro* [49] *en campaña. Non falta cousa.*
TODOS

"Arrapa, raposo,
na cima do toxo,
non mátel-a pita
da vella Marica
que vai na ribeira
buscal-a manteiga

46 Segundo Eladio Rodríguez, "Se llama así al lobo en parte de la montaña gallega".
47 No texto: *Peró*.
48 No texto: *fara*, pero logo *fora*.
49 Segundo CGG1, "irónicamente, zorro" (Feás, Santaia, Compostela).

e un pouco de mel
pra dar â muller...”

BOI- *¡Chute, chute ! Tamén o volpe está de paz. Védeo estomballado no medio das galiñas.*
GALO- *Quizáves será novo e inda non terá malicia.*
BOI- *¿Novo en Nadal? Escoita:*

“En Marzo, nazo;
en Abril, estou no cubil;
en Mayo, xa sayo;
en San Xan, fuxo do can;
en Agosto, xa son boo raposo”.

GALO- *Entón ¿qué é esto?*
BOI- *Un milagre. As feras amansadas; lobos e cordeiros mesturados; hirmans os nemigos... ¡Milagre, milagre!*
GALO- *Xa sei; a ovella tiña razón* (*cantando*). *“Cristooo naaaceuuu!...*
BOI- *¿Ooondeee?*
OVELLA- *¡Beléeen!... ¡Beléeen!!...*

Ouvido este nome, os soldados de Herodes que andaban azoroñando o sito do Nascemento, marcháronse muy ledos. E a Virxe, víndose descuberta, díxolle â ovella:

“Ovella eres,
ovella serás,
e anque te maten
xamáis berrarás”

Por eso desde entón as ovellas non chían nin a sere pegadas, nin feridas, nin comestas do lobo, nin mortas a cuitelo.

Crecente Vega, Xosé

A miña pucha [50]

Cavilando coma un tolo,
entre trasgolo e trasgolo [51]
pensaba na cama eu solo
como pórme en gado meu.
“¡Ter vacas miñas! ¡Canté !
Pro fai falla ter un pé.
¿Ti como farás, José…?”
Maxinando nisto eu,

Ánxela díxome baixiño:
¿Sabes en que penso homiño?
En pillar outro camiño.
¿Ou non val Pepe da Hermida
máis que para tirar dun raño?
Merca unha puchiña, diaño,
anque seña coma un año,
para empeza-la nosa vida.

E aforra que aforrarás,
hoxe un can, mañán dous cas,
á conta dos meus xornás
merquei ontes na Barqueira.
Non é moi grande a becerra,
ora que é moito por terra [52].
Non me baixou unha perra
dos trinta, e fixen boa feira.

Os pés esquerqueñadiños [53]
ten, e os ósos ispidiños [54]
coma as pedras dos camiños,

[50] XCV:245-246. Nota do editor: “En todo caso, a vaca é a raíña que preside boa parte da poesía ruralista galega; *cf. Moito che quero, vaquiña,/ Mentras me díal-o leite;/ Que o día que non m’o días,/ Lévote â feira á venderte.// Non teño lei a ninguén,/ fóra d’a miña vaquiña,/ Que me dá un par de canadas/ De leite todol-os días*” (Leiras Pulpeiro, 1984, nº 164-165).

[51] Nota do editor: “*Entre trasgolo e trasgolo*: durme-vela, entre desvelo e desvelo” (XCV:247,2).

[52] Nota do editor: “*Ora que é moito por terra*: na xerga campesiña, dise da res que promete riqueza e fecundidade” (XCV:248,22).

[53] Nota do editor: “*Esquerqueñadiños*: escrequenados, escrenques, encollidos. *Repuluxados*: erguidos, dereitos; síntoma evidente de ter pasado fame” (XCV:248,25, 28).

[54] No texto: *tén*, aínda que oito versos despois escriba *pro ten óso e armadura*.

e o pelo repuluxado
coma os dentes dun restrelo.
Tocoulle pouco farelo,
que nadia di coma o pelo
se vén de man probe o gado [55].

Vén de pasar fame pura;
pro ten óso e armadura
pra botar boa figura
o día que ande ben chea.
E anque é hoxe unha pataca
e coma os caínzos fraca
hei facer dela unha vaca
coma as millores da aldea.

¡E logo hasta é tan mansiña…!
Cando o seu dono a acariña
pandéase, e tan quediña
se queda coma unha pedra,
sin moverse ben nin mal.
¿Qué é tolamia? Non é tal,
que anque seña un animal
tamén co cariño medra.

Becerriña que remós,
ti hasme dar puchos bos,
ti serás meu ben de Dios,
para que a fame non me anubre.
Ti no aleitar [56] has de ser
unha fonte, si Dios quer,
e os meus fillos hei manter
co leitiño do teu ubre.

Por ti de probe hei salir.
En ti vexo o meu porvir,
o empezo do meu vivir,
o comenzo do meu gado.
Con que pracer te aloumiño,
miña pucha, meu cariño,
a de esqueleto ispidiño
e pelo repuluxado!

Con fariña e con forraxe
teño de facerche un traxe;
heite pór de boa pelaxe
co millo da miña ucha…
O que é se Dios te me deixa
de teu dono n'has ter queixa.
¡Miña becerriña teixa,
meu cariño, miña pucha!

¡Que ben!... [57]

…
¡Que ben ó pé da vaca que o leite non contén,[58]
o becerriño novo nacido de recén!

Sen título [59]

¡Boa res, amigo Xan!
Hai dez anos que arrestreba [60].
Na parroquia non hai outra
com'a túa vaca Teixa.
-¡Inda n'hai queixa!
…

Estes bois de Gontán [61]

Estes bois de Gontán
non son de moita casta.
Son bois de pouca perna e pouca asta.
-Pro son bois de bon ter;
bois escravos pró xugo.

---

55 Nota do editor: "A facenda de mal pelo era causa da deshonra dos seus donos e sinal do estado de abandono da propiedade" (XCV:249,31-32).

56 Nota do editor: "*Aleitar*: dar leite, dar de mamar, criar" (XCV:249,53-54).

57 XCV:449. Fragmento dunha poesía sen título de catro estrofas.

58 Nota do editor: "*Que o leite non contén*: que verte o leite. Dise da vaca parida con ubre tan rebordante que derrama leite polas [sic] tetos" (XCV:450,15).

59 XCV:583.

60 Nota do editor: "*Arrestreba*: restreba, labra a terra das restrebas, traballa os campos de cereais" (XCV:584,2).

61 XCV:527. Nota do editor: "A aldea de Gontán pertence á freguesía chairega de Quende (Abadín), a escasamente un quilómetro da capital do concello. A súa feira –unha das máis tradicionais en Galicia- remóntase ao Medioevo e ten lugar o primeiro e o terceiro sábado de cada mes, sendo a primeira delas 'A Feira' por antonomasia, mentres que á segunda dinlle 'O Feirón'". "*De bon ter*: mansos, dóciles e doados de manter" (XCV:527,1,4).

¿E comedores? Outros no'hai en toda
a provincia de Lugo.
E con algo que os mires,
a estes bois gontaneses
cámbiachelle-lo pelo en poucos meses [62].

Aquela vaca Marela... [63]

Aquela vaca Marela [64]
moito lle escapaba ó carro.

No'había estacas nin tornos
nin caravillas para ela.
Aquela vaca Marela
¡tiña unha maña nos cornos
para suergue-la cancela! [65]

Cargabas unha gavela,
xa non a vías no zarro.
Aquela vaca Marela
¡como lle escapaba ó carro!

A vaca de leite [66]

Este meu amo querme ben, é certo:
vou a pacer co lombo ben cuberto;
faime a cama con palla humildosiña;
dáme herba verde, caldo con fariña,
i hastra un anaco, algunha vez, de broa.
Mais no'é milagre. ¡Son para el tan boa!
Se lle fai falla, xúngueme ós pouquiños;
fáigolle o esterco con que a terra abona;
e co meu leite crío os meus puchiños
e mailos nenos que pareu ña dona.
No'hai renta boa com'a renta miña.
¡Como son Teixa! ¡Como son vaquiña!

Pingotas [67]

Fun á feira do Monte [68],
fun que non fora;
vendín vaca cinlleira,
merquei maronda.

A vaca Nova [69]

"A Nova vai moi vella.
Hai que a mandar prá bros" [70].
Esto decía o xenro
do tío Xan do Vilar.
"¡Non, bato a Dios!
-dixo o tío Xan moi serio-.

---

62 Nota do editor: "No orixinal, *cambiáchel-o*, en ambas versións; o sentido recomienda *cámbiachellel-o*, solución axustada ao metro hendecasílabo" (XCV: 528,10).

63 XCV:525.

64 Nota do editor: "*Marela*: onomástica tradicional con aférese, que fai referencia á cor loura ou amarela dalgunhas vacas galegas" (XCV:525,1,2).

65 Nota do editor: "*Suergue-la*: suspendela, levantala, erguela en aire. *Gavela*: feixe de estrume. *Zarro*: chousa cercada, monte zarrado, zarrón" (XCV:525,7-8).

66 XCV:519. Nota do editor: "Crecente mostra un exhaustivo coñecemento dos coidados e agarimos con que o gando era agasallado polos paisanos galegos, maiormente tratándose de vacas paridas ou doentes, xa fose cubríndoas cunha manta para manter a temperatura, estrando a corte con palla ou convidándoas a caldo con fariña, a viño ou a sopas de pan en compensación" (XCV:521,1).

67 XCV:363-366. Son 32 *pingotas*, numeradas. A que copiamos é a número XXXII. Nota do editor: "Compilación de 32 cantares ao modo tradicional e dotadas de autonomía propia; para Carvalho Calero (1953, p. 135), unha das máis felices e louzás coleccións de cantares de imitación popular da literatura galega" (XCV:366).

68 Nota do editor: "Con toda probabilidade, o poeta debeu acudir na súa infancia á feira do Monte que deu nome á capitalidade do concello chairego de Cospeito. Antigamente era unha das máis populares da provincia luguesa e celébrase o terceiro domingo de mes, alternando coa de Vilalba [...]. *Cinlleira*: dise da vaca sen cría nin preñez. *Maronda*: machorra, maroa, estéril" (XCV 373,120).

69 XCV:523.

70 *Bros* ou *brosa* é o machado. Nota do editor: "*Hai que a mandar prá bros*: hai que a mandar para o matadeiro (expresión viva na xerga gandeira)" (XCV:524,2).

Deceseis anos hai que está na casa
i acó ten quince crías das millores
que se criaron nestes arredores.
Aquel pasto zugoso
que en pasteiros e cómaros pacía,
logo era leite fresco
que no pelo dos xatos relucía.
Sin, ademais, contar
o traballo i o abono.
A vaca non me sale do Vilar.
Ha de morrer en cas seu dono".

E un día, cuase sin poder coas pernas,
coma se fora xa buscando a cova,
foi indo hastra o curral. I alí caeu, [71]
i alí morreu de vella a vaca Nova.

E, mirando moi triste para a morta,
o tío Xan ordenou:
"¡Enterrádea no cómaro da horta!".

Sen título [72]

O tío Nelos de Cañás,
que era un vello menciñeiro
que curaba os animás
de toda crase de mal
menos do mal derradeiro,

cando chegou Xan das Viñas
estaba detrás do lume
lendo un libro de meiciñas,
coas gafas moi ben postiñas
según tiña de costume.

Díxolle Xan: -¡Ai, Antón,
a pouca sorte que eu ten!
Comprei vaca en Albarón [73].
¿I é boa? –Non, home, non;
é coxa e mais non ve ben.

Mira se é desgracia a miña.
Cando lle dá de vir mal…
Os poucos cartos que tiña
para mercar unha vaquiña,
¡metidos nese animal!...

Dime: o mal ¿de que será?
Ti que tan ben adiviñas
e que tes tan boa man
para calquera enfermedá.
Quen cho pide é Xan das Viñas.

Quedouse Antón pensativo.
-A vaca ¿dá ben ó rabo?
-O rabo teno moi vivo.
E logo con aire altivo,
coma aquel que dá no cravo:

De que te afrixir non tes,
-dixo quitando os anteollos-;
a túa vaca ou outra res,
se non ve, ten mal de ollos,
se coxea, mal de pés.

Eí vén o bon labrego... [74]

Eí vén o bon labrego de andar acompasado.
Vén coa noite prá casa, cos seus bois i o seu carro.
Vén de ara-lo seu leiro, que deixa cadullado.
Trai a chaqueta ós ombros i os aveños no carro,
e uns feixes de herba verde para dar a cea ó gado.
E pensa no seu leiro –labrouno ben labrado-
e lembra a súa colleita –"Se Dios manda un bon ano…"-
Ole o arado a terra i a herba verde o prado.
A lora vai xemendo [75]; os bois pasiño a paso;

[71] No texto: *hastra ó curral*.

[72] XCV:511.

[73] Nota do editor: "Albarón, pequena aldea chairega da parroquia de Matela (Outeiro de Rei), situada a uns dez quilómetros da capitalidade do concello" (XCV:512,13).

[74] XCV:507.

[75] Nota do editor: "Certamente, a lora de carballo que prende a cabezalla do carro do país ao xugo rincha co movemento acompasado dos animais" (XCV:507,9b).

i o carro trouquelea; e canta o bon paisano.
Eí vén con santa paz, falando i afalando ós mansos bois calmosos: "¡Vamos, Vermello, vamos!...".

A Teixa i a Gallarda [76]

¡O ben que se querían!
¡A lei que se gardaban!

Andaban sempre xuntas
por chousas e por gabias;
pacían polos cómaros
decote aparexadas;
e, que volveran cedo
ou tarde para a casa,
nunca a Gallarda viña
que a Teixa non chegara.

Bebían nunha pía;
durmían nunha cama,
na mesma meixadoira [77]
comían e rilaban;
turrábanse diario
e nunca se escornaban [78];
lambíanse unha á outra;
o lombo, o colo, a cara;
i estaban tan caídas
e tan aconchabadas,
que nunca o dono soupo
cal era a que mandaba.

¡O ben que se querían
aquelas dúas vacas!

Eu quero ver... [79]

Eu quero ver de frente ás cambeleiras [80]
para que os mire o ganado,
dereitos, arrimados ó banzado [81],
os feixes de maíz.

De maíz coma canas,
que día con candea polos cangos,
cunhas espigas grandes coma mangos
de eixado, e folla bricia e longa e ancha.

E desata-los feixes; e despois
enche-las cambeleiras; e despois
ver como comen o maíz os bois.

A miña aguillada [82]

Quero unha aguillada que seña un tesouro,
que non teña falta dende a punta ó cabo,
feita dun caxoto de carballo mouro [83]
criado entre silvas nun terreo escravo.
No forno escocida i escarapelada [84],
de freba moi limpa, dereita, sin nós.
Pulida e xeitosa. Quero unha aguillada
das millor feitiñas que puido dar Dios.

---

76 XCV:507.

77 Nota do editor: "*Meixadoira*: manxadoira, cambeleira, pesebre das vacas. Mantemos a variante presente en ambas fontes, aínda sendo *manxadoira* a forma viva na parroquia do autor".

78 Nota do editor: "O autor diferencia –certeiramente- entre *turrar* 'puxar coa cabeza, porfiar, teimar' e *escornar* 'cornear, ferir cos cornos'. Con frecuencia, as vacas galegas adoitaban turrarse ou learse maiormente ao se cruzar nos camiños co gando alleo, motivo do embolado que as máis agresivas exhibían na cornamenta a fin de evitar posibles lesións".

79 XCV:509.

80 Nota do editor: "*Cambeleiras*: manxadoiras, pesebre onde se lle bota de comer ao gando. Cf. *na mesma meixadoira/ comían e rilaban* (Crecente, 97.13-14); "*e prós bois nas manxadoiras/ non faltan mangados de herba* (Noriega, 'Campeón ferido', vv. 7-8)".

81 Nota do editor: "*Banzado*: banzo, chanzo, largueiro que serve de apoio e suxección no pesebre".

82 XCV:251.

83 Nota do editor: "Non obstante, o campesiño galego tamén devece polas aguilladas de abelaira ou de espiño, sendo estas últimas dunha contextura rugosa que as converte nas preferidas para acudir na compaña do seu dono a feiras e mercados, logo de seren oportunamente pintadas".

84 Nota do editor: "Tradicionalmente, o labrego galego aproveitaba a calor da fornada ou da lareira para a preparación dalgúns aveños; tal é o caso da cocedura de pólas de carballo para a preparación de loras ou estrobos e das propias aguilladas para o gando, unha vez peladas, escarapeladas, escarapoladas ou escabeladas".

E ben enferrada con ferrón de aceiro,
porque unha aguillada que non ten ferrón
ni'é honra do dono, ni'é pau duradeiro,
nin limpa un arado nin fende un terrón [85].

E por si algún día chega unha ocasión
en que Xan Labrego poda ergue-la man,
quero unha aguillada que me sirva entón
para medirlle as costas a algún pillabán [86].

Ni'unha falta triste dende a punta ó cabo;
que digan os homes: ¡a vara naceu!;
feita dun caxoto de carballo bravo,
¡esa é a aguillada que quero ter eu!

A pataca [87]

O outro día por pouco
non pasou na nosa casa
unha desgracia moi grande
coa millor res, coa Gallarda.
Por un descuido, deixamos
aberta a porta da aira,
i a vaca entón ¡que máis quixo
que ve-la salida franca!
Botouse fóra ás carreiras
e do alboio na entrada
atopou, coma para ela,
unha cesta de patacas,
e conforme é comedora
uliunas engulimada [88]
e púxose a comer nelas
coa boa fe dunha vaca.
Non pensaba, o animal,
mentras tragaba e tragaba,
en que unha delas se lle quedase
quizabes atragantada.
I así pasou, que unha delas
sin ser dos dentes tocada,
esvaróuselle prá gorxa
e quedóuselle atestada
nela e non lle foi posibre
nin cuspila nin tragala.
Mandamos chamar correndo
o menciñeiro da Granda.
E desque chegou e viu
o animal como estaba,
inchada coma un bandullo [89]
cos ollos que lle estalaban,
coa lengua toda de fóra,
coa boca toda babada;
dixo: axudádeme todos;
pódese salva-la vaca.
Collémola polos cornos,
deitámola ben deitada,
e cun mallico do toxo
démoslle unha mallicada
sobre do nó que na gorxa
lle tiña feito a pataca,
con xeito, pero con forza
para esmagarlla; i esmagámoslla.
I o animal, xa con ánimos,
desque viu que respiraba
ergueuse i esperguizouse,
coma quen di: xa estou salva.
E mentras o menciñeiro
lle pasa a mao pola cara,
a modiño, cariñoso,
e con moi boas palabras,
a vaca de agradecida,
bótalle unha lamboada,
e dille coa lengua grande:
¡Dios llo pague! ¡Moitas gracias!

---

85 Nota do editor: "Pelada e lixada, a vara do campesiño precisa ser ferrada na punta, conferíndolle maior duración e resistencia. A colocación dun aguillón de ferro ou ferrón na cabeza da aguillada –previamente limado- converte este utensilio nun instrumento eficaz como auxiliar dos aradores para afalar ao gando, limpar a rella do arado, apoiar nos traballos de plantación, desbroce, etc".

86 Nota do editor: "A función defensiva de aguilladas e caxatos –complementaria da propiamente agraria e gandeira- é omnipresente nun pobo de camiñantes e salteadores de camiños, de litigantes empedernidos e de foliadas levantadas a golpe de liortas".

87 XCV:499.

88 Nota do editor: "*Engulimada*: con degoiro para engulir".

89 Nota do editor: "O gando vacún adoita inchar como consecuencia de problemas dixestivos propios dos rumiantes, sendo necesario abrirlles un orificio na panza como medida terapéutica".

Cruces, Fortunato

Un milagre [90]

¡Meiga fora... Asús María!
¿què terá este becerriño?
non me quer beber á auga,
nin come... ¡malpocadiño!
Onte tróuxeno d-a feira
veu pr'aldea [91] contentiño,
¿será d-o cortello estraño?
¿ergue á cabeza, puchiño?
¡ponte quedo... non cornees!
¡que che pego n-o fuciño!
¿Gumitas? ... tés bo empacho
¡vota fora!... animaliño
¿roncas?... ¡que pena teño!
-¡Pedro!... ¡Desperta meniño,
e vai lixeiro po-lo atallo
buscar o albeit'à Laíño [92]
¡Que veña contigo, Pedro!
¡Non veñas sin él, Pedriño!
pra que cur'este becerro
que temos tan enfermiño,
pois si morre... ¡ay si morre!
¡non hay millo pr'o muíño!
e quedamos sin o coste,
¡Pedro!...
-Deixeme outro pouquiño
durmir, que vosté ben sabe
que me deitei cansadiño.
-¿Pro non vès o que nos pasa
-Déalle purga de viño
verá como pronto volve
à poñerse moi saniño.
¡Tod'os corpos, miña madre,
queren d-a uva caldiño!
-Abrell'a boquiña estonces
q'eu llo voto co xerriño.
¡Xa se levanta!... ¡xa brinca!
¡Viv'o dito de Pedriño!

Eiré, Afonso

A vaca galega [93]

As vacas, constitución aparte e fóra a alma, son coma os humanos. Teñen cada unha as súas características e o seu xeito de comportarse.

Pero iso eran as vacas de antes: as rubias, as galegas. As vacas posuían entendemento e nomes axeitados, adaptados ao seu físico e ao seu comportamento, que había que entender desde cuxiñas.

A Linda debía de ser bonita, ben feita e proporcionada. A Cachorra forte, valiente, rebeza, machota. A Paloma tiña que ser tamén ben feita, pero non era obrigado o ser unha vaca grande, aínda que tamén podía. Pero tiña que ser chuliña, feituca e con bastante clase. Quer dicir, ter un camiñar repampanudo, non trastabillar as patas. Tampouco podía ter mal feitos os cornos e menos maniotas ou a cambra, sería a repanocha. Se os cornos non eran largos, como debía telos unha vaca do país, bautizábase como Cotena.

As Garridas, como o seu nome indica, sempre eran con corpo, fortes, anchas do peitoril e dos cadrís, vacas de moita comida e poder. As Marelas eran rubias esvaídas. As Estrelas tiñan na fronte algo branco. As Touras, esas si que eran tirando a boi, tiñan máis de touro que de vaca e nunca eran moi boas de leite e case non posuían ubre. Semellantes eran as Xatas. Tamén había as Tarabelas, que eran as que non tiñan paradura, sendo esta a característica que as distinguía. E as Negras xa o seu nome o indica. Como as Rubias, que tiñan a color máis forte que as demais da súa caste. As Ratiñas eran as pequerrechas, e sempre se lles poñía a algunha que non fose propia do país. As Viaxeiras, tamén eran as que viñan de fóra. As Moritas eran rubias tirando a negras. E as Pintas. As Pintas eran as Pintas. Pero as Pintas daquelas non eran as de despois. E, ¡para que querías máis nomes se ninguén tiña máis vacas!

Daquelas. Cando as vacas eran vacas, tiñan entendemento. Unha familia de vacas duraba toda a vida dun home; unha vaca a dun mozote. Daquela, comían todo natural ou non lles facía falta dar penso, nin menciñas, nin tiñan mamite e, todo o máis, lles atacaba as maniotas, os pacedeiros, os berros ou o gripo

---

90 FCru.

91 No texto: *pra'ldea.*

92 Supoñemos que se refire a Laíño, concello de Dodro, porque Fortunato Cruces era de Lestrove, do mesmo concello.

93 AE:114-116.

como a calquera veciño. Duraban tres veces máis que as de agora. O leite tiña tona... Daquela, as Pintas eran rubias e brancas.

Despois viñeron as Pintas. As pintas de branco e negro. Chamábaselles Pinta, para que ela entendese, pero todo o mundo lle chamaba Suíza, co refugo admirado dos forasteiros; cando non era suíza, nin rabo de gaitas, senón holandesa. Outras veces nin sequera era Pinta, senón Forasteira. E, Forasteira to, Forasteira vamos... Nin caso. Ao lado das outras semellaban tontas. Aínda que algunha ía aprendendo, deixándose guiar.

O peor foi ao ir chegando máis e máis e substituíndo ás vacas do país. A xente voltábase tola para atoparlles nomes ao xeito. ¡Que nomes lle iamos pór! E claro, a cada quen dáballe pola súa trécola ou pola súa moda. A uns por bautizalas con nomes de persoas, a outros con nome de equipas de fútbol, a outros con nomeadas do máis chusco, a outros con nome de cidades... Case non se distinguían unhas doutras... Así que o nome só era para levalas ao veterinario e que estendese o recibo cando lles poñía a semilla. Para chamalas, para gardalas no prado, non facía falta o nome, eran uns tourovións. Nin siquera levantan a cabeza cando pasa alguén polo camiño para ollar ou cando pasa un coche. Ás suízas non lles interesa nada. Unicamente se teñen ou non teñen que comer. Pero non pacen en calquera lado. Nin comen calquera cousa. Que medren os follatos, adeus o comer or gromos dos toxos, adeus couchóns onde mexara outra vaca, adeus silvas tenras, adeus ferraia con espiga sen segar, adeus outonizo mollado... Non é que non teñan boa boca, é que son así.

E darlles o penso na corte, e carretarlles a herba segada ao comedeiro, e pórlles bebedeiros, e facerlles establos, e telas amarradas, e darlles vitaminas, e facerlles cada día a cama, que non pode ser de toxo, e vendelas cada cinco ou seis anos coma moito, por vellas, sen que ninguén solte unha bágoa.

Son todas iguais, uniformadas e uniformizadas, cos seus cornos cortados. E agora, coma os soldados, coma os presos, só son un número. Un número que levan pendurado na orella co xis da Xunta en grande. E outro número pendurado na outra dicindo que están saneadas, coma se fosen putas. E todas teñen o seu número e o seu certificado. Agora xa non son vacas. Para que van ter nome de son unha ropia de máquinas de facer leite, con data de caducidade incorporada.

Flores, Ricardo

Cantiga de arada [94]

Pola manhá mui cedinho
junguimos os bois ao carro
e saímos cara a arada,
eu no chedeiro sentado.

E tu-ru-lu-lú,
e ta-ra-la-lá;
e tu-ru-lu-lú,
e ta-ra-la-la-la.

Os bois guio pola corda,
meu pai governa o arado;
trás de nós, as lavandeiras,
peteiram pra encher o papo.

E tu-ru-lu-lú, etc.

Como me dói a cabeça,
como me dói o pescoço,
de mirar cara o portelo
a ver se vém o almorço.

E tu-ru-lu-lú, etc.

Cantiga de arada

Nem bem clarejou o dia
colhim os bois e aguilhada,
aparelhei-nos ao carro
e botei a andar prá arada.
Ei, boizinhos, ei pra diante,
ei pra diante e ide bem,
pra nom escamalhoar
e cantando arar tamém.
Nem o vento nem o frio,
nem o calor e a geada,
fam temer ao lavrador
no seu trabalho da arada.

[94] XLOC:79. Esta e a seguinte cantiga recólleas do libro de Ricardo Flores *Escolma de cantigas galegas*. Obra Cultural Caixa Ourense, Buenos Aires 1984.

Fol de Gaita

O boi e a ran [95]

Unha ran fachendosa ó ver n-o prado
pastando certa ves un boi cebado
aguillada e roída pol-a envexa
inflou a sua pelexa
maxinando qu'asina medraría
pois a tola quería
correxindo de Xúpiter a cencia
ter a forza d'o boi e a corpolencia.
Chea de vento, o corpo escarranchado,
pergunta as compañeiras si aboltando
iba xa coma o boi qu'alí pastaba.
Ríndose d'a coitada
dixéronlle que non y-enton de noxo
emperrada en sair c'o seu antoxo
volveu a inflarse con tan mala sorte
qu'alí mesmo estoupando hachou a
morte.
Homes hai que com'a ran
ser xente grande aparentan:
pasan tesos e ó millor
dan un estralo e reventan.

González Suárez-Llanos, Camilo

O pequeno i as vacas [96]

O pequeno corría e brincaba pola devesa, i houbo unha vez que dixo cheo de gozo que non tiña escola, i era certo que non a tiña, por sere xoves. Il non llo decía concretamente a ninguén, senón a ninguén i a todo, aos arbres tamén, i ás vacas; decíao pra poñérese aínda máis ledo. Ben sabían os dous homes subidos ós castaños e cortando paus neles a golpes de macheta, que non tiña escola; un diles era o seu pai. As vacas estaban desenganchadas do carro, pro xunguidas. O pequeno corría, brincaba e berraba, pro por veces o pai adevertíalle que reparase das vacas.

–*Vai xunto das vacas, home, ¿non ves que están comendo no abidueiro aquil?*

I o pequeno corría xunto das vacas, i a grandes voces lles reñía.

–*¡Eh! ¡Comendo! ¡Non comades! ¡Fora de eiquí!*

Comportábase con mimo, coma se il fose un mimado das vacas. Sin mancalas, dáballes golpes ca aguillada nas cabezas, i as vacas afastábanse do abidueiro, aínda mui novo, i o pequeno, outra vez correndo, alonxábase delas.

Gostáballe presenciar cómo caían dende os arbres os longos dereitos paus. Tiñan que caer na direición que escollían os que os cortaban –bos equilibristas, que machetaban enriba dunha ponla, sin se poder agarrar a nada–, pra que non fixesen estropicio ningún. Había que impedir que caesen sobor dos arbres veciños, ou que derrubasen os fios da luz, ou que se volvesen contra dos que os cortaban. Os paus son mui traicioneiros i hai que ter con eles moito coidado; xa se ten dado o caso de algún pau que matóu ó leñador que o cortara, caéndolle, coma nunha derrota vengativa, dun xeito que aquíl non agardaba.

Había un pau máis difícil que os outros, e tiveron que atalo cunha corda, e coma era o pai o que tiña que tirar da corda, en canto que o outro home, ca macheta, o iba destrozando máis e máis pola base, o pequeno quixo axudalo, e púxose tras do pai, i agarróu tamén a corda.

–*Eu teño máis forza que ti* –decía.

Tiraron os dous; por fin o pau fixo un bruido máis forte, coma si o desgarrasen, e desprendéuse, indo a caer xusto a onde querían. Entón o pequeno –chaqueta azul, pantalón de home e de pana, e zocos– púxose a brincar para festexalo.

Logo cargaron no carro os catro paus cortados. Os dous homes levábanos ó lombo, e despóis de que os deixaban no carro, ben apousados, atábanos coidadosamente ca corda, un por un.

–*Si nos visen atar tanto pra tan poucos paus, facían risa de nós* –dixo un dos homes.

Había que apretar moito a corda, e mandar ó pequeno que apretase tamén, i o pequeno

[95] FOL:4.
[96] CGS:71,73.

apretóu colaborando cos dous homes e decindo que tiña moita forza. O pai dil, nun corto descanso, en canto recuperaba o alento e se subía os pantalós un pouco, dixo falando mui dispacio:

–Aínda se foi quedando boa tarde, que eu, cando salín da casa, estaba chovendo, e penséi que iba seguir chovendo asta a noite.

No ceo había unha nube mui grande negra i outras máis baixas, con pequenos espacios azules entre elas. Facía un vento de inverno.

Cando os dous homes foron coller o coarto pau, o pequeno montóuse no cabezallo do carro, pro miróu o pai para tras e víuno.

–Baixa de aí –mandóulle–. *Ponte dediante das vacas, ¿non ves que están comendo outra vez nun árbol?*

I era verdade que as vacas comían outra vez nos ramallos dun abidueiro. O pequeno foi correndo xunto delas, berrándolles:

–¡Fora de aí! ¡Comede os fentos!

I afastóunas, valéndose, coma sempre, da aguillada. As vacas retrocederon. Despóis o pequeno sentóuse na cabeza dunha delas –a Xata, a outra chamábase a Rubia–, agarrando cas maus os seus cornos, e decíalle:

–Pace, que eu tamén pazo.

I a vaca baixaba a cabeza astra o chao, e na cabeza da vaca baixaba o pequeno e volvía subir… Cando se cansóu do xogo, achegóuse ó carro, no que os dous homes ataban o coarto pau, que fora mui difícil apousalo ben, pro no camiño dirixíu ás vacas unha mirada e comprobóu que outra vez estaban destragando o abidueiro.

–¡*Ai* –escramóu escandalizado–, *estades tolas*!

E, repentinamente serio e pensativo, volto pra elas, quedóuse parado.

Sempre tivera ás vacas por superiores. Sentíase case coma se fora fillo delas tamén. Maternales, eran as vacas pra il. Non o pensaba eisí, pro sentíao vagamente.

I agora, serio e pensativo, as ollaba coma si algo houbera fallado no mundo. As vía estranas, testarudas, torpemente famentas, dispostas a destragar un pequeno abidueiro.

Comprendéu que, pra elas, il era igoal que unha persoa maior.

O resto da tarde pasóuno menos comunicativo.

Guitián Rubinos, Laureano

Unha noite na casa do Tío Farruco do Penedo [97]

Antón.- *Boas noites, Tío Farruco.*

Tío Farruco.- *Felices, Antón. E logo, ¿seique vés da vila?*

Antón.- *Veño, sí señor.*

Tío Farruco.-*¿E que dis de novo, o? ¿habería boa feira?*

Antón.- *A feira, Tío Farruco, valíalle pouco, quero decir, xente había pouca; mais cartos ainda se baraxaban: o gando ainda corría. Habíalle moitos compradores; ademàis dos boyeiros d'entre nos, andábanlle castillanos tamèn a eles. Dicen que vai subir moito o gando, q'hay saca pra Habana, e pr'outra guerra non sei de donde, aló lonxe.*

Tío Farruco.- *Si, que ll'ouvín ler o outro día ô señor abade nos papés.*

...

Tío Farruco.- *E logo... ¿quén vendeu do lugar na feira?*

Antón.- *Vendeulle o Tío Queitano, y'o Estebo, y'o Rato, y'o Carrizo, y'a Pepa do Coruxo, e... non sei de máis.*

Tío Farruco.- *¿E canto lle deron os do Rato? –Eran moi feitos.*

Antón.- *Déronlle dous mil e cen. Feitos eran, pero o louro tíñalle un cravo nun ollo.*

Tío Farruco.- *Y... a Pepa do Coruxo, ¿en canto vendeu os seus novelos?*

Antón.- *En corenta e oito pesos, e pagáronllos ben, q'eran de pouca salida.*

...

[97] CVal.

Igresias Roura, José

Tras do arado [98]

¡Outra volta ainda mais! –Volve, Gallardo;
tente ô rego, Cardón.
Nobres almallos meus, case ampeados
con tan brava labor.
Hanvos dar da ferraña que fresquiña
colleron para vos.
Fire abafante o Sol, a terra é un forno
non se atura a calor.
Se é que o pan me dá Dios –Dios mo perdóe
¡ben ganadiño foi... ¡
Mais ainda outra volta.-Za Gallardo;
vente ô rego, Cardón.
Parésceme que acoro, atafegado
co a poeira e o suor.
Hei de fenderte, terra: has de ser miña;
hei de faguerte pô;
hásme dar, das entrañas, pan pr'os fillos...
Mentras na vida estou,
hei de sacarche os zumes canto poida,
¡que xa m'os sacarás a min despois!

Lama, Xavier

O comedor que foi establo [99]

O establo, a súa casta partitura
de residuo ou mortalla,
é agora un comedor reverenciado
polo lique.

A humidade, como borradela
autorizada, descende lacaniana
e tece atrofiadas as danzas
de amnesia con gardenias
na parede.

Alí onde a vacas exercían
o seu misterio (xadrez mental
nun iceberg despiadado)
construiuse un comedor para as festas
con mobles en pretérito indefinido.

Case nunca se usou,
porque as vacas regresaban
do holocausto
e deixaban nos convidados metonimias
como residuos tóxicos de señardade.

Arte de apacentar [100]

Déixame que che fale
de cando eu ía coas vacas ao prado
para que pacesen a herba crepuscular,
atónita,
a herba de sangue primordial
en racimo ou ofrenda,
xurdida da fluencia famenta da auga,
disposta sempre ao sacrificio e ao demantelamento,
a herba en rexeneración constante,
invadida sempre por unha filiación de recorrencia.

Lembro as tardes de outono
que enarboran un silencio de prata porfiada,
vernizadas ás veces polo froito
adoecido
da choiva.

98 JIR: 8.
99 XL: 66.
100 XL:17-18.

Elas, as que integraban a manda silandeira,
zugaban co seu dentame de cinza vidrosa
as frebas esenciais,
húmidas de verde incitación,
da herba.

Parecían sometidas a un pacto de paciencia,
convertidas en hóspedes dunha mecánica silente
e era posible percibir
naquel intre, agora reconstruído,
unha sombra deshabitada de eternidade
peneirada polo linóleo gris do ceo.

Maragall, Joan

A vaca cega [101]

Baténdolla na testa a relfa [102] dos valados
e tropezando en todol-os petons do camiño,
marchando ó tino e soia, a probe vaca vella
vai abrevar no río.
Un coyo mal guindado foille sacar un ollo
e cubréuselle o outro d'unha tea: está cega.
Vai beber no regato onde adoito bebía
mais non co-as compañeiras,
nin co-aquel firme paso con que marchaba outrora
a vaca vai sin guía;
anda ó tino e vai soia.
As irmás pol-os cómaros e prados e ribeiras
pacen a fresca herba facendo soar as chocas;
mais ela caería. Foi a bater co-os belfos
n'un aguzado seixo e cía recelosa,
mais volve e se abaixando hasta atopal-a auga
bebe d'ela, calmosa, bebe pouco sin sede.
Sobre as mortas meniñas palpebrexa e a testa
cara ó ceo co-un certo aire tráxico ergue;
orfa de luz desanda con paso cauteloso
pol-as corgas e sendas nunca d'ela esquecidas;
movendo a longa cauda, baixo d'un Sol que abura
vacilante camiña...

Manuel María

A vaca [103]

A señora Vaca
traballa sen tasa
mantén a súa cría,
dá leite prá casa.
A señora Vaca
non dá descansado,
tira polo carro
e arrastra o arado
A señora Vaca
-ten a cor teixa-
sofre en silencio
pro non se queixa.

[101] JM: 40.
[102] *Relfa*: broza dun comareiro.
[103] MMaría: 1,293-294.

A señora Vaca
vai do monte ao prado
e do prado ao curro
con ar resignado.
A señora Vaca
é humilde e mansa:
¡non sei qué misterio
na súa ollada cansa!
¡Non sei qué misterio
nos seus ollos quedos
que semellan feitos
de noites e medos.

O boi [104]

En ti saúdo e recoñezo,
pesado boi solemne,
a forza do universo,
as sagras fontes puras
das enerxías aurorais.
Eras, ouh boi pai,
o pulo xerador,
o esforzo que facía
da terra unha matriz
paridora e ubérrima.
Ti, instinto macho
fecundante: semente,
nobre testa poderosa
de volcás alporecidos
e lóstregos escuros.
Agora, manso boi, neste
mísero tempo do proveito,
eres: pel, graxa, sebo,
carne ruín de matadoiro.
¡Ouh boi, brado gastado:
en ti acato a un deus!

A xata [105]

¡Como a casta se conoce!
Filla da vaca Marela.
¡O que come ben mo loce!
¡Non hai becerra como ela!
¡E que pelo está botando!
¡Esta xata non ten venda!
¡Mentres a vou criando
que San Antón ma defenda!

O gando [106]

O gando da Terra Chá é moi fermoso:
ollos grandes, corna levantada;
o pelo teixo, fino, moi lustroso
e o paso lento cando fai a arada.
En todo o país non o hai mellor:
é manso, leiteiro e comedor.
¡A San Antón heino de ofrecer
pra que o conserve sempre de bon ver!

Louvanza dos queixos de San Simón [107]

Os queixos de San Simón
co ar da serra curados:
¡viron correr os regatos
e máis o verde dos prados!
Os queixos de San Simón
aínda son feitos a mao,
¡sentiron frío de Inverno
e sudaron polo Vrao…!

Os queixos de San Simón
sentiron tremar orballos
e escoitaron os murmurios
dos ventos polos carballos.
Os queixos de San Simón
son a cousa máis sinxela,
¡teñen feitura de pico
e saben a pastorela…!

[104] MMaría: 2,159-160.
[105] MMaría: 1,135.
[106] MMaría: 1,135.
[107] MMaría: 1,103.

O carro [108]

Non canta na Chá ninguén.
Por eso o meu carro canta.
Canta o seu eixo tan ben
que a señardade me espanta.

Non hai canto tan fermoso:
fino como un asubío.
Anque é, ás vegadas, saudoso,
faise, no ar, rechouchío.

O meu carro é cerna dura:
sábese carballo e freixo.
¡Que fermosa a súa feitura!
¡Que lixeireza a do eixo!

As cousas vanse aledando
por onde o meu carro pasa.
¡Carrétame herba pró gando!
¡Traime a colleita prá casa!

Sementeira [109]

Na agra a luz é lene e apardada.
Vai ser a terra sementada.
Andan unhos homes a botar a anada.
Outros, con bois, fan a sucada.
A terra déixase abrir, muda e calada.

Os sucos son xeometría namorada:
homes e bois non saben nada…
¡As lavandeiras na terra traballada
andan por entremedias da xugada!

O arado [110]

¡Cánto traballa o arado
e nunca está cansado!
Anque a terra ten que abrir
procura non a ferir.

¡Ara na alma, nos leiros,
nos nosos soños baleiros!
A voz do amo manda:
-¡Ei, boi, anda … ¡

O pasteiro que foi prado [111]

Denantes tiñas veludo.
¡Como no tempo pasado
xa non estás coraxudo!

Óllote sempre tristeiro.
¡Denantes eras un prado,
agora soio un pasteiro!

Feiras [112]

¡Hei de ir á Feira do Monte,
á de Rábade e á de Castro!
¡Hei de ir á Feira do Monte
anque teña que ir de arrastro!

Despois, se o tempo deixa,
a Muimenta irei mercar.

¡Vendín en Vilalba a Teixa,
quedei sen vaca pra arar!

¡Hei de ir á Feira do Monte
que é pró domingo que vén!
¡E ti, miña dona, disponte
que te hei de levar tamén!

[108] MMaría: 1,131-132.
[109] MMaría: 1,127-128.
[110] MMaría: 1,132.
[111] MMaría: 1,134.
[112] MMaría: 1,101.

Mirás, Francisco

Un Boy e un Beserro (1864) [113]

Estaba un beserro
no medio dun prado,
comendo na herba
cando un boy pasa
co pescoso teso,
pois tiña o majoado
no sitio do xujo
todo ensanjrentado;
vendo o beserro,
dixolle: amigiño,
que fraco ti estás;
¿seique estás maliño?
mira eu qué jordo
en este pradiño,
comendo boa herba
sin ir ó [114] xujiño:
o probe do boy
larpaba nas silbas
sin disir palabra
como un coitadiño:
estonses un home
chejou despasiño,
atou o beserro
pr'o [115] levar á vila,
e matálo lojo
pois outro non había;
véndose atado,
a aquel boi lle dixo:
¡ay probe de min
qu'hoxe [116] estou perdido!
quixera eu máis
estar no teu sitio
pelado o pescoso
como ti fraquiño;
«é moi sorro o home »
doume tanto mimo
pra sacarme o coiro,
a Dios amigiño,
trousa neses toxos,
qu'ó [117] fin vas vivindo;
pro a min oxe
quítanme o coiriño.

Un boi e un becerro (1888) [118]

Estaba un becerro
n-o fresco pradiño
pastando na herba
cando d'él foi visto
un boi que pasaba
c'o pescozo hirto,
pois tíñao magoado
d'o xugo no sitio,
todo ensanguentado,
mazado e ferido,
tal que o becerro
lle dixo: - Amiguiño,
¡qué fraco tí estás
¿seiqu'estás maliño?
¡mira eu que gordo
en este pradiño
comendo n-a herba,
sin ir ô xuguiño!.
O probe d'o boi
calado e sofrido
n-as silvas larpaba
e hastra n-os vimios
sin dicir palabra
como un coitadiño.
Estonces un home [119]
chegou paseniño
atou o becerro
pr'o levar á Vigo
e logo matalo
n-o púbrico sitio.
Véndose él atado
á aquel boi lle dixo:
- ¡Ai probe de min
qu'hox'estou perdido!
quixera eu mais
estar n-o teu sitio
pelad'o pescozo
coma tí fraquiño.
¡É mui zorr'o home!
doume tanto mimo
pra sacarm'o coiro...
Adios, amiguiño,
trousa n-eses toxos,
que ô fin vas vivindo;
pero á min hoxe
quítanm'o coiriño.

---

[113] FM: 126-127.
[114] No texto: *o*.
[115] No texto: *pro*.
[116] No texto: *coxe*.
[117] No texto: *co*.
[118] FM2: 6.
[119] No texto: *Estences*.

Un Boy e un Rato (1864) [120]

Estaba un rato serca
dun boy que apastaba,
e chejandose a un pé
doulle unha [121] dentada;
pro estonses o boy
moi bravo esbufaba,
e cos seus dous cornos
o rato buscaba
mais aquel xa listo
no burato estaba
paresendo un tolo
coas risas que daba:
vínjate ajora
de min, camarada,
disíalle ó rato
pro moy ajachado.
O boy que oía
levantando [122] o rabo,
botou [123] a correr
pra xunto o burato,
e chantando un corno
por ver si espetaba
o seu enimijo,
dixo de contado;
estou perdendo tempo
béijate [124] o trasno,
estos enimijos
non veñen ó [125] campo,
e son os peores
porque fan máis daño,
pois con disimulo
son uns jrans catralvos.

Un boi e un rato (1888) [126]

Estaba un rato cerca
d'un boi, n-o seu pasto,
cando á un pé, mui zorro
se lle foi chegando,
doulle n-él mordisco
tan desatinado,
qu'estoncel-o boi
esbufou mui bravo,
e c.os seus dous cornos
buscaba n-o rato;
mais este xa listo
estaba n-o burato,
parecend'un tolo
c'as risas d'un diabro,
chilando e dicíndolle
ô demo d'o falso:
-¡Víngate de min,
panarra d'almallo!
Pro este dicíallo
mui ben agachado.
O boi qu'o oía
levantou o rabo
votou á correre
pra xunt'o burato,
chantand'alí un corno
por ver si n-o auto
podía, ô nemigo,
de présa espetalo.
Coneceu o trouso;
dixo decontado:
- Estou perdend'o tempo
¡válgante mil trasnos!...
¡Estes enimigos
nos veñen ô campo
e son os piores
porque fan mais daño,
pois con desimulo
son us grás catralvos!
¡Cantos hay n-o mundo
coma d'estes ratos!

[120] FM:127-128.
[121] No texto: *un a.*
[122] No texto: *lebantando.*
[123] No texto: *votou.*
[124] No texto: *o.*
[125] No texto: *véijate.*
[126] FM2: 6-7.

Montenegro Saavedra, Amador

A tralla e a aguillada [127]

Pousou certo labrego unha aguillada,
O seu carro ô deter, de un coche preto
Que tiña alí a parada,
Y en tanto âs ordenanzas, sin respeto,
E man a man "auriga" e carreteiro
N-a taberna votaban un chanqueiro,
Conversación romperon
A aguillada e a tralla, ponderando
O poder que, de antigo, dominando
Os máis rebeldes brutos exerceron.
-"Si –dixo a tralla- estralo,
A galope sair fago ô cabalo,
E si negarse quere, un lostregazo
Ben a tempo e con arte
Sentado, salva parte,
Nos cuadrís ou no medio do espiñazo,
Andar o fan, que ôs homes nada valla
O imperio pra soster como unha tralla".
"Pois, -falou a aguillada-
Si finco o meu ferrote
No pelexo dos bois, non digo nada:
Saír os fago a trote,
E mándeme o labrego
Galvás, que eu [128] pronto os ei traguer
a rego".
Protestaba o cabalo do que oía,
Mais un dos bois, que en calma remoía,
Conservando a cachaza
Que conocemos todos
Do peso propia e propia da súa raza,
Nin perder os seus modos,
Dixo âs marmuladoras:
-"O poder de que tanto vos gavades [129],
¿Por qué, miñas siñoras,
Con nós agora non exercitades?"
E logo, unha cornada,
Voar a tralla fixo e a aguillada.

Os que como estromento a forza tedes
¡Pra que decirvos máis, si me entende-
des!

Montes, Eugenio

Tornan as vacas para a aldea[130]

Tornan as vacas para a aldea;
vacas roxas, vacas mouras,
vacas de coor marela.

Foi avisarlle un luceiro:
¡a teixa noite está preta!
Lembráronse do cortello lonxano
tamén da herba
qu'escoa o suor do corpo,
loira cabeleira d'unha Madalena.

Tornan as vacas para a aldea;
vacas roxas, vacas mouras,
vacas de coor marela.

Como no San Xuan as mozas,
con cereixas nas orellas,
axiña elas van con fallas
encol do pescozo e testa.

Todal-as folliñas bican,
docemente, a súa pel tépeda.
Si quixeran voar poderían
pois no mesmo lombo duas azas levan
mais prefiren voltar paseniño
depinicando nas froles das veiras
hastra qu'os zagales lles berren:
Ey, vacas, seique non tendes presa!

Tornan as vacas para a aldea;
vacas roxas, vacas mouras,
vacas de coor marela.

Un istante se pararon
a caron d'unha figueira;
tudol-os figos bulían,
sonaxas d'unha pandeira,
porque o vento os abaneaba
como campanas nas festas;

[127] AMoSa:23-24.
[128] No texto: *en.*
[129] No texto: *gravades.*
[130] EM: 163-165.

enton os cornos das vacas
¡como tremaban de invexa!
ponlas que non pairen froitos
nin coñecen primaveira.

Tornan as vacas para a aldea;
vacas roxas, vacas mouras,
vacas de coor marela.

Xa tiraron do carro mancado,
xa cabelaron c'un arado a terra,
xa deixaron as augas dos regos,
onde elas beberon, fiíños d'estrelas.

Tornan as vacas para a aldea;
vacas roxas, vacas mouras,
vacas de coor marela.

Alí as agardan as donas,
para lle munguil-as tetas;
e pra que fique nas cuncas
a esmola da leite fresca,
branca como a lúa,
como a lúa chea.

Moure, Teresa

O meu veciño Tomé [131]

O meu veciño Tomé, apenas tres casas máis arriba, ten a retranca dos republicanos vellos. Decateime diso o día que vin vivir aquí, cando escoitei, mentres acirraba as súas dúas vacas marelas, que as chamaba *Estefanía* e *Carolina*. Pregunteille por que lles puxera nomes tan rebuscados e retrucoume chiscando un ollo: "Estas, van para raíñas". E debe de ser certo. Tomé e os seus tornan delas con esmero; mentres vai bo tempo lévanas á herba de mañá cedo e volven na súa procura ao solpor, daquela as dúas mantéñense coa única e moi principesca ocupación de folgar. Pastan ceibas nunha herbeira cerrada cun valo e só moi raramente andan pexadas, talvez para evitar que escapen ás festas nocturnas de princesas ou para ficaren alindadas como corresponde, que ás xentes da realeza non lles acae andar a pisar os eidos de cultivo. O outro día enfurruñáronse entre si e sen rosmar, unha delas, eu non podería asegurar cal, deitouse ocupando a estrada. Os coches non se atrevían a pasar e non me estraña, que lle podía dar por trucar, como o día en que unha delas amoscou e se puxo a correr tan grácil coma unha princesa atlética. Mais, en canto chegou Tomé co seu caxato, a vaca púxose en pé dun salto, que de súpeto pareceu recuperar a compostura aristocrática. Nos seus paseos na procura de herba, *Estefanía* e *Carolina* pasan ás veces por diante da casa de Fornás, onde estabularon hai ben tempo, e miran para alí cos seus enormes ollos de vaca. Senten mágoa das amigas encadeadas á muxidoira. Elas son resistentes, figuras doutro tempo, vellas vacas tolas e románticas.

Murado (López), Miguel-Anxo

Os froitos da vaca sagrada [132]

Cedo pola mañá chegan os camións de recollida do leite. Xa a penas se muxe a man, pero a actividade leiteira segue a ser un rito do mencer, aínda que agora teña máis que ver cos horarios dos transportistas que con outra cousa. Esta explotación, como moitas, conta cun tanque de frío posto pola empresa leiteira. Moitas outras escenas pasaron á historia, como os cans lambendo nos cántaros á porta das casas ou as señoras enloitadas levando sobre a cabeza a ánfora de aluminio.

Juan Carlos pertence á nova xeración do sector. El e a súa familia levan unha explotación na provincia de Lugo en réxime de casarío, unha forma tradicional de empresa na que un socio capitalista e un socio traballador se reparten os beneficios ó 50 por cento. A explotación conta con máis de trinta vacas, un tamaño medio alto, considerado por moitos como o mínimo para sobrevivir. Desde o ano 87, as explotacións con menos de vinte cabezas non fan máis ca diminuír.

[131] TMou:44.
[132] MAML:80-81.

Agora temos unha cooperativa, o que nos permite obter mellores prezos. Pero as empresas os varían arbitrariamente, polo que temos que andar cambiando, o que é un mal sistema.

Coma en todo o Sector, foron aprendendo a base de sorpresas e atrancos. O caso é que en poucos anos Galicia pasou tamén aquí da poesía á prosa, da artesanía á industria do leite. E fíxoo dunha maneira dramática, moitas veces brutal.

A Vaca Marabillosa

A poucos quilómetros da cidade de Lugo está o que seguramente é o único monumento á vaca que existe no mundo. Visible desde a estrada, é unha xusta homenaxe que preside o ingreso a unha central leiteira. Para os hindús a vaca foi o primeiro animal creado, Suhabi, a Vaca Marabillosa, nai e ama de cría de todo canto vive. Tamén en Galicia se practica unha forma de culto á vaca. Se para os hindús a vaca alberga no seu interior 340 deuses diferentes, na Galicia cristianizada a vaca albergaba unha trindade, a da triple aptitude Traballo-Leite-Carne.

Está por escribir a intensa relación que une ó galego coa vaca. A vaca é basicamente unha parte da fotosíntese: transforma a enerxía solar en algo valioso para o home, pero durante séculos foi tamén o máis valioso que o home do campo tiña, a res, a *cousa* por antonomasia para os latinos. O galego no só viviu da vaca, senón tamén coa vaca. Nas montañas orientais aínda pode verse algunha das pallozas nas que homes e gando compartían vivenda sen restricción. O animal como amigo e como veciño. A vaca coma animal de compaña, coma membro da familia.

Cando comezaron as campañas de saneamento, explícanos Luís, un veterinario que participou en moitas delas, *vimos auténticos dramas familiares cando había que sacrificar un animal que se cadra nacera o mesmo día ca un fillo.*

A vaca coma calendario

A vaca, que vive uns quince anos aproximadamente, é un período de tempo en si mesma, un ciclo.

As cotas

Á vaca leiteira os hindús danlle un nome poético: Aditi. Significa literalmente exenta de lazos. Era o ceo ilimitado, o Firmamento. Un antigo himno di:

Aditi é o Ceo,
o aire, todos os deuses,
os cinco pobos,
Aditi é o pasado
e o porvir (...),
a poderosa, a sempre moza,
a protectora, a boa conductora,
Aditi.

Sen dúbida un himno que podía ser cantado en Galicia.

Antonio é un dos socios de Juan Carlos e a súa familia na explotación leiteira. Foi o seu pai quen fundou a empresa hai nove anos, poñendo ó seu servicio as súas propiedades e a casa natal. Cóntolle a Antonio que no sur da India, entre os *todas,* o do leite é considerado un oficio sagrado. Sorrí ironicamente.

Evidentemente aquí non. Non polo menos para o Goberno, que negociou o ingreso na CE desprezando o noso sector lácteo. Foi unha negociación política.

A CE (UE) fixou a cota do leite para España a partir da producción de 1985. Desde entón a producción aumentou, tan só en Galicia, en case 400.000 litros máis. De todos xeitos a producción do conxunto do Estado segue estando por debaixo da demanda, arredor do 76 por cento.

O curioso, aclara Antonio, é que países que ingresan agora, como Finlandia, entran cunha cota igual á súa producción e mesmo hai outros, como Dinamarca, Irlanda, Francia, Holanda e Portugal, que poden producir máis do que consumen. Certo que aínda temos que mellorar na calidade e no prezo, pero está claro que para eles iso é o de menos. Os únicos prexudicados son os gregos e nós.

Como moitas outras explotacións, esta ten un excedente con respecto á cota. A multa é unha constante ameaza. En 1993 o Estado gastou 200.000 millóns en sancións. É a célebre supertaxa que, neutralizada neste momento polas negociacións, podería aplicarse en calquera momento.

Contabamos coa ampliación da cota, ou polo menos co reparto de parte da Reserva Nacional, pero xa temos a resposta e é negativa.

Por este motivo o Sindicato Labrego Galego, o máis representativo no agro galego, considera a posibilidade de mobilizacións e impagamentos. Aínda que o reparto non foi tan prexudicial para Galicia coma se esperaba, o SLG sostén que debe facerse sobre outras bases.

Antonio móstranos agora un dossier. Nel está o plano de desenvolvemento gandeiro que no seu momento presentou á Consellería de Agricultura: informes, mapas detallados, un proxecto para a producción de 200.000 kgs de leite ó ano.

O curioso do asunto é que este plano foinos aprobado e mesmo recibimos unha subvención para levalo a cabo. Agora que xa o temos todo listo dinnos que non podemos producir máis de 140.000 kgs. É incomprensible.

No hipermercado europeo

En Economía non hai nada incomprensible. Por iso, para comprender, transladámonos a un contexto que o permita.

Estamos no décimo aniversario da Comunidade Europea, quizais por iso este hipermercado está decorado de festa. Non é así, en realidade é unha oferta. Pero ben podería ser. De celebrarse nalgún sitio esa efeméride debía ser aquí. O hipermercado, nacido na Depresión do 29 para sacar ó comercio da crise, é o templo onde se oficia o europeísmo comunitario. Aquí os países miden as súas forzas.

Intentamos comprar leite galego. Distinguilo non é tan fácil. Recentemente, un semanario galego publicaba nas súas páxinas unha guía para mercalo. Un verdadeiro labirinto: leite galego envasado por empresas españolas ou doutros países europeos, leite galego mesturado con leite doutras Comunidades, leite francés envasado en Galicia baixo unha denominación enganosa... A única orientación dánola o etiquetado, onde se indica a orixe do leite usando o convencionalismo das matrículas de automóbiles (LU de Lugo, C de Coruña) [133]. Pero tampouco hai unha seguridade completa; recentes denuncias fan supoñer que moitas veces o etiquetado non responde ó contido con exactitude.

O leite do día, ese é todo de aquí. É todo o que nos aclara o vendedor, que tampouco entende o noso interese patriótico. *Leve o que está de oferta*.

Certo, ese é o principio do Mercado Único, un principio que é aquí, nos andeis desta grande superficie comercial, onde adquire o seu sentido e mostra a súa xerarquía. Rodeados de máis de 700.000 vacas, o animal totémico do país, encontramos por fin o leite galego nun recuncho.

Nóvoa Costoya, Manuel

N-a corredoira [134]

Ei *mareeelo*... ¡Qué demoro!
¡Malas moscas! ¡Vente *paaardo*!
Vouvos rompel-aguillada
N-a mesma crôca d'o rabo...
Ven *pardiiiño*...! Ven *mareeelo*...!
Vosoutros téndel-o diaño...
¿Por que tan maulóns vos facés
si levás valeiro'o carro?
- ¿Qué che pasa, Xacobiña?
Enfadácheste c-o gando?
Pois, non t'enfades, rapaza,
que che pode facer daño...
- Antón... ¿De donde saliche?
Estabas detrás d'o valo,
Quizáis moi agachadiño
Ás rapazas axexando...
¡Ay Antón, tí el-o mesmo
c-o raposo... malo raxo!
- Non, muller, que veñ'ô dreito
D'o muiño de Carballo;
Fun levar un pouco millo,
(Mais ou menos... un ferrado)
- Mentireiro!
-¡Que me morra,
Xacobiña, si t'engano!
Qu'aind'un cego me vexa...!
- Tôoo *marelo*! Quedo *paaardo*!
E ti non xures, Antón,
Porque m'asustal-o gando.
- Mira Xacoba, comprendo
Que non dás cret'o que falo,
Y-eu non che son un babeco,

[133] Realmente a indicación provincial que forma parte do número de rexistro sanitario, que aparece na etiqueta dos alimentos, non indica a orixe deses alimentos, senón a localización da fábrica que o elaborou ou envasou; pero a materia prima pode proceder de calquera lugar do mundo.

[134] MNC.

Nin un trosma deslinguado...
Sonch'un home feit'e dreito,
- Com'un fungueiro d'o carro!
- Vaya, Xacoba, ti seica
Me tomaches por un parvo...
E si m'apuras moitiño
Vouch'amostral-o contrario
Dándoche catro biquiños,
Tres apertas... e de paso...
- Ponte qued'Antón, que berro...!
¡Que me vas rompel-o pano...!
- Xacobiña, si ch'o rompo
Ten seguro que ch'o pago...
- Non quero nada de tí...!
Vaite d'eiquí, condenado!
Fágoch'os cornos..., a figa...
Antón, ti tel-o meigallo.
- Non me vou, pomba garrida,
Meu caraveliño branco...
- Vánsem'os bois...! Ponte quedo...!
¡Tôo *marelo*! Vente *paaardo*!
¡Quedo, Antóoon...! Qué sort'a miña,
Xa teño tres bois n-o carro...!
. . .
- On palanquín...! Borrallento...!
Agarda, desvergonzado...!
Tí, que estás n-a corredoira
C-a miña filla xogando...!
Agarda, calzas rachadas!
Que s'eres fillo d'o trasgo
Un xeitoso desconxuro
Ch'irei a dar c-un forcado...!
. . .
- Ay, Antonciño, por Dios!
Dá seb'os pés, condenado,
Que meu pai desd'a cancela
Está fureoso berrando...!
Vaite lixeiro, ricoiro...!
E non t'esquezas d'o pano
Que me rompiches... xa sabes...
N-a corredoira loitando...!
Conqu'adiós e... tôo *mareeelo*!
Mira que moito ch'encargo,
Que vayas, Antón, por il...
Tôo *mareeelo*...! Vente *paaardo*!
A Ourense, Pontevedra...
Ou si non, vai a Santiago.

Novoneyra, Uxío

Bois burdiós [135]

Boi burdión,
de corno broco,
aliñón!

Boi marón
de boubo foco,
outeón!

Lembranzas da vida de pastor [136]

1.
Prado
do campo do Muiño! N-iste chao
sentado
cando viña de nino co-o gado
facia cintos de xunco trenzado.

2. Prados da Veiga do Xal
de Cido e da reboleira
onde se avista o Real
i-a xente que ven da feira!

Iba eu polos camiños,
ora cantaba ou xubriaba,
de cando eu cando paraba
a varexar os espiños.

Todalas tardes traguía
gargantiñas de amorodos
i-arandos que eu collía
i-en chegar comia-os todos.

Camiño da Parediña
tornaba eu co-o gado
pola tarde baixiña.
Moi ispaciño viña
que ainda pensaba no prado....

Prados da Veiga do Xal,
de Cido e da Reboleira,
onde se avista o Real
i-a xente que ven da feira!

[135] Cou4: ms.112. No ms. define *burdiar* como *cantar de los bueyes*; *corno broco* como *cuerno que nace hacia atrás*; *aliñar* como *envestir* [sic], *prender el hilo (a liña) del acometimiento*; *boubo foco* como *hijar hundido*; e *outeón* como *deambulador*.
[136] Cou4: ms. 109-110.

Germana de Romeor, pastora do Sumedo [137]

Pastora que pasas a vida
no monte soiña
Fia que fia
vaise o día...

Pastora que fias e cantas
co-a roca na illarga!...

Pastora que cantas e fías
lá branca, merina!...

Pastora que fias e cantas
á tardiña baixa!...

Pastora que cantas e fías
á noite baixiña!...

No silencio da serra [138]

Oir pacer as vacas na serán
aiquí, no silencio da serra
sume a un cuasi tanto coma no val
ver pasar a auga das presas...

Eidos sóios

1
Cousos do lobo!
Caborcos do xabarín!
Onde ninguen foi nin ha d-ir!...

2
-O lobo! Os ollos,
o lombo do lobo!...

Baixa o lobo polo ollo do bosco
coma un sono...

movendo nas flairas [139] dos teixos
ruxindo nas follas dos teixos
en busca da vagoada mais sóia
e mais medosa...

rastrexa... rastrexa,
ole, parase e venta...
finca a pouta, ergue a testa e oula
cara o ceio
con toda a sombra da noite na boca

Os primachorros [140]

Alguén está
n-iste aire da mañá...

Primachorros brancos,
panqueixo, i-amarguexos!...
Argana polos barrancos!...
Folla podre nos refrexos!...

Pensado Tomé, José Luis

Vesadoiro e charrúa [141]

Esta desoladora visión de la agricultura gallega no puede asomar al *Catálogo*. En él, por ejemplo, el verbo *besár* y *besadoiro* es explicado así «éste es el instrumento para besar la tierra y es un *arado* con *ruedas* y seis u ocho pares de bueyes» y en la voz *charruar* da más detalles al compararla con *besar* y *besadoiro* «que es arado ancho y grande, con tres estevas y tiene ruedas», pero con todo ello no logramos una clara idea de su empleo en la época ni de las vivencias personales que le evoca. Si queremos saber más tenemos que continuar con la cita interrumpida de la *Obra de Seiscientos Sesenta Pliegos*: «Pero –prosigue- aún se

[137] Cou4: 114.
[138] Cou4: ms. 113.
[139] No ms. define *flaira* como *rama pequeña con hojas.*
[140] Cou4: ms. 68. No ms. define *primachorro* como *margarita*; *panqueixo* como *flor blanquiamarilla*; e *argana* como *hierba dura de los ribazos y prados de secano.*
[141] FMS:100-103.

conserva en Galicia un género de arado que tiene por cuatro de los arados de Castilla. Llámase *besadoiro*, y el arar con él se llama *besar*. Sólo se usa del besadoiro para besar, arar y romper praderías o tierras que hace tiempo que han estado incultas. El ferro o reja del besadoiro es tan grande y redonda como una criba. Descansa sobre dos ruedas, como si fuese un carrito. Tiene tres estevas, y a ellas van arrimados tres forcejudos hombres para empujar y dirigir la reja. Para tirar del *besadoiro* se aplican siete u ocho pares de bueyes muy briosos. Delante de ellos va un pequeño aradito haciendo el camino o señal por donde se ha de ir dirigiendo el besadoiro. Fácil es discurrir qué surco no hará una reja tan grande y ancha tirada de tantos bueyes. He sido testigo, y no se hacía surco sino zanja de una vara de profundo.

«Una única vez vi besar el prado en Pontevedra siendo de diez o de trece años. Después jamás vi besar, ni *besadoiro*, y preguntando en el dicho país, más de cincuenta años después, por el dicho grande arado, a muchos cogió de nuevo la pregunta. Pero supe que, tierra adentro, aún se usa el *besadoiro*. Lo que puedo asegurar es que el dicho prado que vi besar, y que se sembró de maíz, dio una prodigiosa cosecha».

«Jamás he visto escrita la voz *besadoiro* y el verbo *besar* en esta significación, y así no sé su ortografía si ha de ser *besar* o *vesar* y si besar o bessar con dos *SS*. Sólo vi la cosa y oí los nombres, pero nunca los he leído»

Prosigue con disquisiciones etimológicas, rechaza erróneamente *versare terram*, para preferir una etimología basada en «*bessum*, genus vehiculi» de Papías, del mismo modo que de *carruca* formó el francés *charrue* y port. en Bluteau, *charrua*. Propone luego la generalización del empleo en Castilla del *besadoiro* gallego y de pasada hace alusión a la traducción castellana de la Agricultura de Mr. Tull publicada en Madrid en 1751, en la que colaboraron el maronita Miguel Casiri y Campomanes, pronostica que se venderán pocos ejemplares a 24 reales y dice: «este libro, que creo costeó el público, debía haberse repartido de balde a muchos de los labradores de España y a los curas, y los instrumentos los había de costear el lugar, y que fuesen *per vices* comunes a todos».

Pero el recuerdo infantil del *besadoiro* no le abandona. Vuelve a repetir: «La única vez que siendo niño vi besar una tierra noté que el surco era una zanja de una vara de profundo y deI ancho correspondiente. Vi que el besadoiro levantaba unos terrones tan grandes a un lado y a otro, que se me representaban montes de tierra; y como el besadoiro iba tan veloz, no pude continuar a ver aquel arrollar de terrones, porque se me turbaba la vista. A los lados estaban apostados unos hombres con azadones, para desterronar y reducir a polvo los terrones. No sé qué es lo que se hace cuando se encuentra un peñasco. Supongo que el que va delante con el arado avisa para que el peñasco se salve. En cuanto a raíces todas se arrancan con facilidad con la fuerza que aplican siete u ocho pares de bueyes. Después de besado el terreno se ara y se prepara con las demás labores para sembrarle. Todo lo demás lo dirá cualquiera gallego que haya manejado el besadoiro».

Sería imposible imaginar la acción de *besar* si no dispusiésemos de estos pasajes complementarios, que remontan a recuerdos de 1705 aproximadamente. También alcanzamos a saber que cincuenta años ya pocos recuerdan lo que es el *besadoiro* en Pontevedra, y sólo tierra adentro le siguen usando. Cuando se describe en Rodríguez parece un simple arado grande sin que necesite ninguna observación especial. Su descripción se repite en los demás diccionarios gallegos casi en los mismos términos, lo que hace suponer que es el testimonio básico completado por Cuveiro. En el gallego asturiano el *basadoiro* ya descrito por Acevedo y Huelves es simplemente un arado. Nuestro maestro Dámaso Alonso en su trabajo sobre *Gallego* «*bordelo*», «*abordelar*» nos hace la descripción del *basadoiro* (e incluso acompaña su trabajo con la fotografía de un ejemplar del Museo del Pueblo Español, procedente del Franco) en estos términos: «En Castropol lo he visto emplear casi constantemente en la de la arada, allá a fines del verano. Toda la familia (también las mujeres, claro) cuida la marcha del pesado tren, constituido por cuatro unidades: 1.ª el *bordelo* «segundo par de vacas, o sea el par de encuarte»; 2.ª, el primer par; 3.ª las rodelas; 4.ª, el basadoiro. A través del aire llegan, a distancia, los gritos de todos excitando a las vacas: ¡*Ala, pequenas*! ¡*Ala, balientes*! Y el padre, aferrado a las *oreyeiras* del *basadoiro*, les da a los bovinos las órdenes exactas: ¡*Chega al rego*! ¡*Arreda*!» [Revista de Filología Española, XXXIV (1950), pp, 339-340].

¡Qué fantástica diferencia entre este *basadoiro* y el que a comienzos del siglo XVIII asombraba los ojos infantiles del P. Sarmiento con su enorme velocidad o turbaba su vista con los montes de tierra que levantaba! Allí un aradillo abriendo la marcha y siete u ocho pares de bueyes, aquí cuatro humildes vaquillas tirando del tren; allí tres estevas con tres forcejudos hombres, aquí una y un solo hombre.

Es curioso que aun en Morais 8.ª el port. *vessadouro* o *–oiro* sea solamente «o direito de lavrar; lavragem da terra. *Elucid*.» y hasta más tarde no se citan los sentidos de «arado» (Figueiredo 4.ª ed.) usado en el cultivo del maíz.

También, al lado de *besadoiro* se usa una variante *beso* en Negreira y la Mahía, que parece ser un desverbativo de *besar*.

Si el verbo *besar* expresaba la más profunda roturación de la tierra, veamos ahora otro verbo, el *charruar*, que «es arar con más de dos bueyes y menos que *besár*. Todo del francés *charrue*». Es el intermedio entre el *arar* –casi arañar o hacer cosquillas a la tierra con un par de vaquillas- y el *besar*. Como en éste es labor trabajosa que llevan a cabo «más de dos bueyes» -debemos entender *pares*- y menos de seis, que son los que requiere el *besadoiro*. Más adelante lo comprobamos cuando vuelve sobre la palabra en estos términos: «*charruar*. Llaman hacia Pontevedra arar la tierra con un arado común pero con dos o tres pares de bueyes. Y se distingue del *besár* porque esto se hace con el *besadoiro*, que es arado ancho y grande, con tres estevas y tiene ruedas. En el *charruar* no hay ruedas ; pero el origen viene del francés *charrue*». La *charrua*, en Pontevedra ya no tenía ruedas, y el autor lo hace notar con ese «pero», sin embargo H. Schneider (*Studien des Galizischen des Limiabeckens*, Volkstum und Kultur der Romanen, XI, p. 263) recogió en la zona *charrues* «arados con ruedas».

Pereiro, Mauro do

Xan d'Arzua [142]

É n´a vila d'Allariz
O nome de Xan d'Arzua
Tan relembrado e quirido,
Que xa non-o esquecen nunca.
Os vellos cóntanlle ós nenos
Pasaxes d'a vida sua,
Y-os nenos dempois n´a escola
Tanto as cousas tracaburran,
Que si un conto lle da fama,
Outro conto fáille inxuria.

É pr´os vellos, un bó home
Dono d'unha gran fortua,
Qu´empregou en darlle á Vila
Desafogos e venturas:
É pr´os mozos, un valente
Invencibre, pois co-a axuda
Solo d'un touro, vencen
Ós fillos d´a media lua:
É pr´as vellas, un amigo
D'os meigallos e d'as bruxas;
Pr´os rapaces e pr´as mozas,
É un fantasma, mistura
De home, xigante e meigo,
Como non-a viron nunca.
Asina en boca do pobo
Que á recordalo acostuma,
Un sigro tras outro vive
O nome do Xan d´Arzua.

II.

Inda hoxe en Allariz
Tanto seu nome recordan,
Que n´o víspora d´o Corpus,
E logo q´as doce soan,
N´o balcon d´o Auntamento
Sua imaxen ledos amostran
N´un home feito de palla
E ben vestido, con ropupas
Á usanza do tempo antigo
En que vivira á presoa
De quen o retrato queren
Facer, para millor n amoria:
Inda corren pol-as ruas
Apreixado d'unha corda
Pol-os cornos, un bó touro,
Que agachados tras d'as protas
Azuzan, loucos berrando,
Rapaces, mozos e mozas.
Canto masi fero sea o touro,
Mais legría; non importa
Que d'unha forte cornada
Dous ou tres homes se morran,
Que por seguil-a costume,
Hai que facer tales cousas;
Asins o dispon a Vila
E non ten que se ll´opoña.

Causa door, causa pena
Qu´inda haxa n´a terra nosa,
Qu´en fidalguia, nobreza
E sintimentos abonda.
Unha costuma que tanto
Istas cualidás desdoura.
¡Queren honrar o recordo
De Xan d´Arzua, e non coidan
Que o nome d'iste fidalgo,
Con tales feitos deshonran!

[142] MdP1.

III.

¿Quen é Xan d´Arzua? Naide
Unha noticia ten certa
D'as fazañas que lle deron
Relembranza n´ista terra:
Moitos din que dende a Arzua,
Ond'o fidalgo nacera.
Veu á Allariz para loitar
C´os mouros, que con fereza
Ós veciños d'ista vila
Facíanlles xorda guerra
Sin deixalos folguexar,
De tal modo e de maneira,
Que hastra n´os dias de Corpus
Cando saía d'a eirexa
A precesión, c´os deseyos
Cativos de desfacél-a,
Sacos cheos de formigas
Riba d'a xente valeiran,
Hastra pól-a tan pragada
Cal de moscas a colméa.
O Xan d´Arzua que soubo
Istes feitos, de xenreira
Fervendo, contra d'os mouros
Chegóuse hastr´ a Vila mesma,
E montado riba un touro,
Entra n´as ruas estreitas,
Y-ós fillos d´a media lua
Medo pon co-a su presenza.

Dende estonces, libres foron
Os d'Allariz d´as baixezas
D´aquilas xentes, nemigas
Decradas d´a sua eireza,
E paz desfrutou a Vila
Y-as xuas veciñas aldeas.

Fixo mais o Xan d'Arzua,
E mór foi a sua nobreza,
Pois d´a vila d'Allariz
Protexen honra e facendas.
Por iso a Vila recorda
Con respeto e reverencia,
O nome d´aquil fidalgo
Que tanto volvéu por ela;
Por iso, para, pra mais lembranza,
As suas fazañas festexan,
N´o balcon do Auntamento
Pónd'un home q´o asemella,
Logo que d´as doce soan
As batelás derradeiras,
Do dia do Corpus Christi
N´a víspora lisonxeira;
Por iso corren o touro
Recordando o qu´il trouxera,
E por iso ano tras ano
A costume siguen mesma.
Tal vos é d´o Xan d'Arzua
A tradición n´ista terra:
Tal a contan dende antigo
Mozos, rapazas e vellas;
Tal a prautican ainda
En Allariz, e abofellas
Que a práutica está rifada
C´o adianto d´a nosa época.

Prado *Lameiro*, Javier

Un consello [143]

-¿Seica imos de feira, Antón?
-Pois sí, imos cara ela.
-¿E vas vendel-a Marela?
-Non fago moita intenceón,
porque, como din elí,
estar bén e porse mal...
home que figuera tal
non percura bén pra sí.
Por moitas voltas que dé
n-atopo, seguramente,
animal nin mais valente
nin mais leiteiro qu'íl é.
Como sán, é com'on buxo;
bunito, velo ehí está;
manso, non hai mais alá,
canto puido Dios, n-íl puxo.
-¡Home, entón é unha burrada
o vendel-a!
-¿E non ha ser?
Eu se á levo é só por ver [144]
a que cartos é chegada,
pol-o demais, che confeso
que a vaca volve pra trás
anque me den tres mil reás
contados peso por peso.

[143] PL2: 4.
[144] No texto: *sö* (sic).

-¿Vendéchel-a vaca, Antón?
-Vendín, e Dios vaya co'ela.
-¡Home, vendel-a Marela
sendo de tal condiceón!
-Boeno... verás: como ser
a vaca non era mala,
pro, tíñache que coidala
inda millor qu'á muller;
porque dend'o ano pasado
coller'ela unha tosiña
que me daba mala espiña
e tíñame desgustado.
Leveina und'o manciñeiro
d'o Canizo, e díxom'íl
que se danou c'o chancil
n-a parte d'o tragadeiro,
e que como era por drento
onde tiñ'a enfermedá,
que se non pudía xá
empregar ningún ingüento.
Dispóis, cuase non comía
e ívase pondo moi fraca
e, tuse que tuse, a vaca
estaba pior cada día.
Leite, xá cuase non daba;
e traballar, nin xiquera
ind' a canga non puxera
xa parece que abafaba
y-entón, dixen eu pra mín,
canto antes hai que vendela,
senón non van dar por ela
nin chavo; e fun e vendín.
-¡Ou, condanado; y-ó ir
canto á Marela gababas!
-¡E logo ti qu'esperabas!
¿qué a verdá fose dicir?
Pois escoita: eu xa son vello,
pro a ti cómpreche saber,
pol-o que acabo de ver,
este prudente consello:
"Non te fíes de ninguén
pra vender ou pra mercar,
porque nunca has de topar
en feiras home de bén".

Cousas de feira [145]

Viñ'o tío Manoel da feira
de Cartelle onde mercara
unha vaquiña marela
que daba xenio miral-a.
Qu'íl votara unha pinguiña
de mais ben se lle apreceaba
n-os olliños churrusqueiros,
e n-as meixelas de grana,
e n-o falar barulleiro
e n-o andar sin seguranza.
Atopouse n-o camiño
c'o tio Pedro d'as Regadas,
labrego moi cachazudo,
práuteco e de poucas falas,
e xuntos ambos e dous
van de conversa pr'a casa.
- ¿Que tal de feira, Manoel?
- Pra min non estivo mala;
fun a mercar, e merquei;
e merquei ben.
- ¿Esta vaca?
- A mesma. ¿Gústache ou non?
- Non é mal confeucionada.
¿E custouche?
- Trinta pesos.
- ¡Trinta pesos! ¡Mala rabia!
¡Ti estás tolo!
- Nin xiquera.
- Entón a vaca é roubada;
eu nin por corenta reás
a quixér n-a miña casa.
- Perde coidado, que ten
a miña pra estar en garda;
pro, Pedro, ¿fasme tan burro,
perdoando a comparanza,
que fos'eu adequerir
unha cousa asi de trampa?
Antes de cerral-o trato,
como o préceo... gobernaba,
enteireime ben d'a cousa
e vin que podía mercala.
- Entón tench'algún defeuto
encuberto, algunha maula.
-¡Defeuto! Mala centella.
Que veñan a rexistrala
os millores albeitários
do mundo, e si tuber chata
que me corten o pescozo.
¿Seica non sei eu miralas?
Xa sabes, Pedro, que o tanto
de rexistrar unha vaca,
non hay en tod'esta terra

[145] PL1: 3.

quen me poña diant'a pata.
A vaca ve'laiquí está,
ben posta, valent'e sana,
dous netos si algún tiver
outra millor axeitada,
Y- esto dicindo, turrou
pol-a rabeira d'a vaca...
Cal sería o seu asombro
y-o de Pedro d'as Regadas, [146]
o ver qu'a vaca fuxía
e qu'o rabo lle quedaba
n-as maus o probe Manoel
que gruaba cheo de rabia:
"Ou, Marela, centelluda,
tíñal-a ben somellada".
O d'as Regadas surría
y-entre dentes marmullaba:
"Vaites, vaites, Manoeliño;
mercáchela ben barata..."

Mal negocio [147]

(Echadas sobre el verde césped del pastizal, hartas, rumiando pausadamente, charlan dos *marelas* gallegas).

- ¿Te gustan las vacas que ha traído el tío Tomás el Curioso?

- No están mal. Son holandesas. ¿Y a tí?

- De cuerpo si; son buenas mozas. También me agrada el color de sus vestidos, pero de cara no me gustan; son feas.

- Dicen que puestas a dar leche son algo serio.

- Leche, has dicho? No venía mal; agua jabonosa y gracias. Ya conozco yo esa loza.

- Bien; pero su amo lo que quiere son litros para llevar al mercado. Se la pagan lo mismo; como buena.

- Sí; es verdad. Pero, ¿crees tú que eso durará siempre? Durante infinidad de años el vino se vendió como se vende hoy la leche; a tanto el litro y nada más. Hoy, en donde saben lo que traen entre manos, se paga por sus grados de alcohol, que es lo lógico. Pues también vendrá día que la leche se pagará por sus gramos de manteca y entonces, a morir las vacas del Curioso. Que no hay derecho a que por el mismo precio se alimente bien una persona, o se muera por enfermedad carencial, que dicen ahora. Tú verás la diferencia de tomar setenta gramos o más de manteca con un litro de leche, a tomar solamente treinta o menos.

Sin embargo, siempre podrán ellas. ¿Qué importa que tú dés una leche de setenta gramos si sólo sueltas cuatro litros por día mientras ellas, de esa de treinta, se largan con otros tantos litros?

- Fantasías, mi querida amiga. Ya se que se habla de hasta cuarenta litros diarios, pero eso podrá ser con alguna res de extraordinaria producción. También entre las nuestras hay quien da sus doce o catorce litros, pero eso es la excepción. Si el tío Curioso logra quitarle a sus vacas un promedio de quince litros por día, ya está pero que muy bien; y para lograrlo habrá de tener con ellas muchos cuidados, excelente establo y una de alimentos como para sostener tres de nosotras por cada una de aquéllas.

- Tanto comen?

- Mucho.

- Ah, pero comerán lo que les dén, que contra el vicio de pedir hay la virtud de no dar.

- Sí, pero entonces los quince litros se quedan en la mitad y ni jabón trae el agua, que también hay aquello de "manos que no dais, que esperais".

- Entonces tú crees que el tío Curioso ha hecho un mal negocio.

- Ruinoso. Ni tiene gasolina suficiente, en cantidad y calidad, para que esos motores funcionen bien; ni local apropiado para montarlos; ni personal entendido para su manejo; ni mercado próximo y fácil para colocar el producto que elaboran. Además, esas vacas no deben trabajar, porque si lo hacen merma su producción; el tío Curioso tendrá que continuar sosteniendo su yunta del país para sus labores de campo. En fin, la catástrofe. Eso es quizá

[146] No texto: *d'as regadas* (sic).
[147] PL11:14-16.

bueno, hoy por hoy, en las proximidades de un buen centro de consumo, donde el transporte tenga poco gasto y la venta sea remuneradora, segura y fácil.

- Puede hacer queso y mantequilla.

- Poco de eso puede sacarse del agua de jabón; pero, aún así, como la producción, por las razones que antes te he dicho, va a ser escasa, el batacazo es seguro.

- De manera que tú crees que llegará día en que se nos hará justicia y se pagará nuestra leche a precio superior al de esas vacas extranjeras de gran producción?

- Así lo creo. Porque es justo que el valor de un alimento esté en razón directa de su mayor poder alimenticio. Sería absurdo que un kilo de coles valiera lo mismo que un kilo de carne. Y del mismo modo es absurdo que una leche con un porcentaje en materia grasa del siete valga igual que otra con el tres.

- Ya no lo acordaremos nosotras.

- Seguro que no, porque habrá que luchar para lograrlo con viejas costumbres y con grandes intereses creados, pero tarde o temprano la razón se impondrá, que es mucha su fuerza.

Vale más poco y bueno, que mucho y malo [148]

(Atardecer. Al abrevadero de un pueblo aldeano llegan tres hermosas vacas celtas, gordas, lustrosas, sanas. Condúcelas un rapazuelo avispado, fuerte, con arreboles de salud en la cara. Su ropilla remendada y recosida pero pulcra. Por el opuesto camino aparecen también cinco reses de igual raza que las anteriores, pero flacas, de deslustrado pelo y tipo enfermizo. El pastorcillo que las acompaña es también la antítesis del otro. Mientras el ganado bebe, descansa y vuelve a beber y los chicos juegan, entre dos vacas de uno y otro lote se entabla la conversación siguiente).

- Hola, amiga. Tu eres nueva en el lugar. No te conozco.

- Nueva, precisamente, no. Hace tres meses que he llegado, pero estoy delicada y salgo poco a la calle.

- ¿En casa de quien estás?

- En la del tío Sarna. ¿Y tú?

- Yo en la del señor Manuel el Cuidadoso.

- Buena debe ser, que bien lucidas estáis.

- Sí que es buena. Jamás nuestro amo se ha ocupado de sí sin atender antes a nuestro acomodo. Danos trabajo moderado, aliméntanos abundantemente y cuida de la limpieza y comodidad del establo. Estamos muy bien.

- Suerte, chica. El nuestro en cambio, carga brutalmente el carro y nos muele a palos, despúes de perforarnos inhumanamente la piel con su terrible aguijada, cuando el exceso de carga y las malas condiciones del camino nos impiden avanzar. Comer, lo poco que podemos hallar en sus campos yermos, y en el establo, de agujereadas paredes que como fuelles soplan sobre nosotras el helado viento de la noche, el pestilente líquido que empapa el estiércol nos baña las pezuñas o nos macera el vientre cuando estamos echadas.

- Malo y torpe es vuestro amo. Fuérale mejor tener tres vacas bien alimentadas y atendidas en vez de las cinco que sois. Más y mejores campos tiene el nuestro y no más de tres vacas quiere, que goza él viendo su ganado lucido y gordo y mejor saca del pantano su carro una yunta robusta y fuerte y más y mejor leche dan sus bien mantenidas vacas.

- Tiene razón tu amo. Ya ves, nosotras, ni fuerza, ni leche ni otra cosa que esta tos y esta fatiga que nos asfixia. La que no está tuberculosa está en vísperas de serlo. Y así este constante ir y venir del amo a la feria para vender unas para adquirir otras sin lograr jamás lo que busca y no puede hallar por su propia culpa.

- No así el nuestro. En su casa nacemos y en ella vivimos el mayor tiempo posible, porque, como él dice: sé lo que tengo y no es fácil que sepa lo que adquiero. Hasta se

[148] PL11:8-10.

preocupa de nuestros amores y nos ofrece siempre el mejor galán que haya por estas tierras, porque también dice él que de buen maridaje buena sucesión.

- Dios le premiará su inteligente y humanitaria conducta dándole el bienestar y la tranquilidad que al nuestro le faltan. Bueno, amiga, adios.

- ¿Os vais?

- Sí.

- Pues que tu suerte mejore.

- Gracias. Y que Dios conserve la tuya.

Rábade Paredes, Xesús

O da Marela [149]

O da Marela non foi nada, María. Non é nada hoxe. Só unha vella historia perdida no vento. O pai lémbrase ás veces:

-*Que vaquiña xeitosa. Non haberá outra coma ela* –eu rubio ó sentilo falar–. *Co seu ollo cego, era a que mellor sabía escoller e tiniscar as herbas no lindeiro*.

A Marela, María, faime pensar nos meus pantalóns curtos e máis naquelas zoquiñas que ti levabas cando andabamos ás amoras nas silveiras da ponte.

Qué besto o Roxelio e toda a súa caste.

O pai teima que teima, María, e eu lembrando os teus ollos doces e o teu sorriso.

Qué besto o Roxelio e toda a súa caste.

María, que tristura…

Pero a culpa foi toda da Marela, e o pai sábeo ben.

Era moi nova. Non estaba afeita ó xugo nin ás lindes do cómaro e gustaba das herbiñas máis tenras, das máis moles…

¿Lémbraste, miña raíña?

Eu estaba ó seu coidado –pantalóns curtos– e chegaches ti –zoquiñas cantareiras–:

–*¿Imos ás amoras?*

A Marela, deitada no chan, parecía convidarnos á ledicia da terra. O vento arrecendía e eu calaba, prendido no engado dos teus ollos.

¿Imos ás amoras?

E fomos.

Eran sabedoras, doces, tenras, mouras… Que degaro, María, collelas a mancheas, mornas da raxeira do sol, coma o lombo novo da Marela.

Acórdanme aínda as túas maus, tinguidas de zugo, trementes de devezos, quentiñas e suadas… Eran coma un engado para aquel corazón meu que aínda durmía.

Eu deixábame querer, sentado no chan, ollando cun fondo de tristura as miñas canelas delgadas, cheas de poeira, feridas polos garfos das silveiras… Gustaba de mirarche para as pernas feitiñas cando pendurabas cara ás silvas cos ollos enfiados na amora máis grande, a que logo arelabas poñer na miña man.

Graciñas, María…

Ti chegaches de présa á miña beira, e eu, abraiado, non armei a man para procurar o teu agasallo. Ti dubidaches un intre, e despois puxeches aquel corazonciño –arrecendente a suor, a terra, a [150] orballo– nos meus beizos. Entón –qué besto o Roxelio e toda a súa caste, María, qué tristura…– eu quixen collerche a man e ti fuxiches coma unha andoriña, lixeira, pequena, doce, inasequíbel…

¿Para que fuxiches se querías estar á miña beira, se me chamabas?

–*Axúdame, Manuel, que me feren as espiñas*.

E eu nada.

–*Que vexo unha manchea alí alta e non lle chego*.

[149] XRP:7-10.

[150] No texto: *o orballo.*

E eu nada.

Sentado no chan, cos ollos fixos nos teus acenos, quedo, anguriado…

Ti voltaches –seria, desacougada– cunha presiña de amoras. Traías un nariz amourentado, ledo de recendos e tristeiro no fondo.

–*Para ti, lacazán*.

E eu non respondín.

¿Non te acordas, María?

–*Para ti, Manuel, cólleas*.

E a túa voz era máis doce, os teus acenos mainos…

–*Eu non quero amoras, rapaza*.

Quería tantas cousas, María… Pero ti non te decatabas.

Dúas bágoas grandes, inmensas, imposíbeis, brillaron nas túas meixelas.

Quizais daquela foi cando acordamos…

Pero a Marela –qué besto o Roxelio e toda a súa caste, miña raíña– xa enxergara silandeira e doce –lizgaira co seu petelo baixo– a chousa da cortiña e brincara no horteiro das coles. Entón o teu pai –qué tristura– deuse á aguillada e aguilou os pés. Botóuse á Marela e zas, ladroa, seica che olen as verzas do veciño, zas, larpeira, heiche de quentar eu o aparello, e zas, e a Marela a correr, e o Roxelio –qué besto– zas, no lombo, nas cornas, zas, nos ollos, e a Marela cega, María, ceguiña pecha dun ollo…

Ti e máis eu xa cos ollos ben abertos –cobizosos– na escola e mais nas leiras. No leito silandeiro das noites de soidade. Sin sono e máis con soños.

Rodríguez, Bernardo

Compra-venta [151]

Después de varios años de residencia en un pueblito de la provincia de Buenos Aires, donde había trabajado mucho y ganado poco, ya como conductor de carretas, ya como peón chacarero, volvió al hogar paterno, situado en una aldehuela del hermoso valle de Bea, Farruquiño dos Cotos.

Llevaba un cargamento completo de desengaños, algunos pesos convertidos en pesetas y una jerigonza compuesta de frases gauchescas y palabras gallegas castellanizadas a su modo.

El 20 de julio, al toque de ánimas, hacía mi vecino su entrada triunfal en la casa donde había nacido, encontrando á los autores de sus días ocupados en preparar el horno y la masa para la cocedura de pan de la semana. Besos, abrazos, alegría convertida en lágrimas de gozo fueron las elocuentes manifestaciones del fausto del acontecimiento.

Al día siguiente acudieron á verle amigos de la familia, compañeros de infancia del recién llegado, curiosos de toda la vecindad, y hasta el señor abad mandó su felicitación por la vuelta de Farruco.

Durante la cena se acordó el padre de que al amanecer tenía que salir con sus bueyes para la feria de Meira; era día de la Magdalena. Farruco se ofreció á ir él solo. Así se resolvió, y, al clarear, salía nuestro hombre con los bueyes hacia Cuntis.

A las seis había tomado ya posiciones debajo de unos copudos robles, á fin de preservarse de los rayos del sol.

Dieron las once sin que se le hubiera acercado comprador alguno, y estaba el americano trinado con su poca suerte.

No tardaron en llegar por allí el droguista Juan Fariña y su primo el alemán, burlón capaz de reirse de sí mismo como lo hacía cuando recordaba que, rozando con su mujer en el Pedrouzo, lo habían sorprendido los muchachos besándola á hurtadillas

- *¡Hola, Farruco!*

- *¡Hola, amigos!*

[151] Cunt3. O texto está asinado en Bos Aires, o 2 de outubro de 1900. O Val de Vea é unha carballeira con capela que hai ó saír de Cuntis cara a Moraña, maiormente no concello de Cuntis, pero ocupando tamén parte da Estrada e de Meira.

- ¿E cando viñeche?

- Pues... antier.

- ¿E qué tal por esas terras de Dios?

- Ya lo ves, Juan, ni á pie ni montado, como el que anda á caballo de la escoba.

- Por eso prestóuche, que ves un americano feito. Digo americano pol-o modo de falar e mas por esa cousa.

- ¿Qué cosa, Juan? No seas vagual.

- Home, por eso que andas remexendo n-a faltriqueira do pantalón, que mesmo pareces Pepe de Gato cando sacodía a caixa das ánimas diciendo: Unha limosna pra las benditas almas del purgatorio quen pudere por l-amor de Dios.

- Déjate de cantar, chicharra, que me estás atormentando. Mirá, Juan, vos me querés tomar pal titeo; y comigo son al cuete los candeales y los caldos de gallina.

- Escoita, Farruco; non lle fagas caso aquí á meu curmao, pois xa sabes que sempre foy un argallante, anque á tí debía gardarche un poco de respeto: así com-así tí non es un calquera.

- Calláte, vos, avestrús, que nin pa charquí servís.

- Non-o tomes á mal, Farruco: este Xan degoouse todo ó sintir tringuelear as onzas n-a tua faltriqueira. Pero por eso non teñas medo que non che vay botar frida d-ollo.

- Nin que lo quisiera ... ¡comigo no hay chucho!

- Boeno, ¿queres vende l-os bois?

- A eso vengo. Aquí tenés una yunta que manda truco.

- ¿Qué trucan? Estonces pódelos gardar pra chacina. ¿E desde cando colleron ese vicio de cotar, ho? que antes non-o tiñan.

- ¿Quien dijo que cotaban? Yo he dicho que eran unos boyes macanudos, con lindas aspas y un pelaje que sirve de espejo.

- ¿Comen de todo?

- Lo que le den.

- Paséaos un pouco á ver se espallan [152].

- Iru... ungo... achu... uru...

-¿Ti entendes, Andrés?

- Eu non; ¿e ti?

- Tampouco- ¡Cánto aprenden os que van á fora!

-Avéntaos un pouco, curmao, pra ver se ten liñaceiras ou velidas, sópralle n-os ollos e repara s-amolecen

- Os bois non ten chata, nin siqueira un alifás.

- Vamos á ver ¿cánto pides po l-os bois?

-Estos boyes valen tres mil reales.

- ... (?) ... (!) ... ¿E ti cando viñeche, ho?

- Veuche noutronte á noite.

- Mirá, ché, alemán, no te pasés, que á este gallego naides le pisa el poncho. Lo mesmo te digo a vos, Juan. ¡A mí... con láuña.

- Ben, home; pero ese precio non é pra vender. Tí non estás n-as feiras e non é extraño que digas barbaridades.

- ¿Barbaridades? Dejáte de firuletes, maula, y no te metás á compadre, que no sos bueno pa tener ahijados.

- Aplácame Dios tu ira, Farruco, pois sabes que non cho digo por mal. Pero vamos o choyo, ¿cánto queres po l-os bois?

- Ya lo digen: ciento cincuenta pesos oro.

- ¿Ouro? ¡Quén o vira! ¡Se chos deran en prata!...

- ¡Pucha qué sós bárbaro! ¡No es lo mesmo en plata que en oro! Si arreglamos, manque sean en plata los aceto.

---

[152] No texto: *Paseos*. O autor reproduce graficamente a contracción *a+o* que dá *o* aberto pero, como non o marca, actualizámo-la grafía, porque faría que un verbo con pronome enclítico parecese un substantivo e podería xerar confusión.

- En setecentos están ben pagos.
-¡Sietecientos!
-Sí, home, sí: en dous mil setecentos págoche hastra a corda.
- Dos mil nuevecientos y cerramos trato.
- Han de ser oito centos e pága l-o xantar pra todos.
- Nada, los nuevecientos y á la pulpería.

(Mira, Xan, alí ven García de Vilanova que antes tapaba as ventanas c-un monllo e agora anda moy afouta cos cartos dos figaroistas que en Santiago cobrou po l-o fillo, e como vendeo n-o dezaoito, é capás de metérchelle vara os bois).

- E logo, Farruco, ¿qué pensas?
- Lo dicho.
- Partimo l-a diferencia e pága l-o xantar.
- ¡Ah, tigre, como te prendés del puchero! Venga los ciento corenta y dos y medio y á comer.
- Toma, conta e dame cincoenta reás de volta.
- No tengo. En la fonda te los daré.
-¿E o niño da faltriqueira?
- Se lo volaron los pájaros.

Rodríguez González, Eladio

Papas de Arroz: Larpeirada / Larpadela [153]

Mércanse dous netos
de leite de vaca;
métense de súpeto, sin máis riquilorios,
dentro dunha cazola vidrada;
chéganse onde o lume;
bótanselle encima catro culleradas
de arroz de primeira;
pónselle unha codia de limón, cortada,
e cando se atopa
todo xunto en amor e compaña,
fánselle ó pucheiro
unhos mimos de lume e de brasas,
pra que se convenza de que os mimos quentan
pero nunca matan.
Pouquichiño a pouco, ferve que te ferve,
coce que te coce, con modo e con calma,
hai que ter coidado
de que o arroz se coza sin que se desfaga,
i hai que remexelo pra que non se pegue,
i hai que mesturarlle zucre en abundancia,
tanto como queiran
os que se refolguen co esta larpeirada.
Feito xa todo esto,
vórcase a cazola nunha fonte prana;
bótanselle enriba polvos de canela,
pra que o arroz teña un pouco de gracia,
ou si se quer cóbrese
con lixeira capa
de azucre moído que cun ferro ardente
se queima e se tosta. Despois desto...
¡nada!
A cantos o coman
porveito lles faga.


Cando chega a festa do patrón do pobo,
con foguetes e múseca e gaitas,
esta larpadela
pra ricos e probes é cousa obrigada.
¡Cántos se degoran
por ela con ansia!
Nunhos sitios sírvese en cuncas de barro;
noutros ponse en pratos como Dio-lo manda.
Gústalle a unhos quente; quérena outros fría,
porque din que fría ten millor sustancia.
Nas humildes chouzas
da xente aldeana
non hai postre pra mozos e vellos

[153] ERG3:93-95.

de tantas lembranzas.
El fálalle a todos de tempos que foron,
de brincos de nenos, de enredos da infancia,
de contos de meigas e noites de troulas
e alegres fuliadas.
Aquí danlle o meigo nome de arroz dulce;
alí por vulgares papas de arroz pasa;
acá ten a sona de arroz con azucre;
acolá arroz con leite lle chaman.
Hai quen lle mistura,
como cousa rara,
viño do Ribeiro;
hai quen arrenega destas zarandainas.
Sea como queira,
cando a cociñeira ten arte e ten maña,
é manxar dos dioses porque sabe a groria,
porque se agarima, porque nunca farta,
porque mesmamente resucita ós mortos
i ós enfermos sana.

Torres Ferrer, Sabino

No río de Tomeza [154]



No río de Tomeza (Portela Paz, A.: *Pontevedra, Boa Vila*).

Un renxer de carro aldeán, firente y-esguío cal salayo de moza, vaise esvaindo a todo o longo do río de Tomeza, dende a Ponte Bolera ó Pazo, arrebuxado na patulería das mozas lavandeiras de serán de luns, axionlladas escontra os penedos, co seu falar algareiro, namentras os cumes de mais alá de San Cibrán, andan ô axexo as primeiras sómas e un anaco de lúa que ainda non brila pol-a lus enroxecida do sol-por.

[154] STF.

O pé da ponte de longas laxes deitadas a carón do muiño do Menexo, refrexase na xerfa o carro de bois, arañado por ringleiras de escuma de xabrón, que navegan no río hastra os muiños da Tablada, do Peilán e do señor Manoel, onde tecerán no tarabelo do seu rodicio o novelo da y-auga.

Hay un fitar sinxelo do carreiro cara as mozas, e un ladrido de cán de palleiro, que cheira antre as silveiras do camiño.

Nos tendales de roupa prantados â veira do río, anda xogando un maino vento que racha as arañeiras, rebrilantes antre ponlas de salgueiros e ameneiros e un corro de rapaces que non foron a escola espanta as troitas ô choutar nun relanzo.

Os bois de xugueira endurecida levan ben o carro baldeiro, que ha de voltar antre lusco e fusco cos fungueiros ben pretos de mazorcas de zea, pra faguer mais longos os seráns do outono, ô espallar o grau limpo e seco que ha de encher o piorno e dar traballo â bacía. E alí, namentras as mans tecen e destecen as mazorcas, un cantar levianciño espallará por todal-as corredoiras o alalá, e nun currunchо da casa onde non chega a lus macilenta do día moribundo, uns beizos regustarán o amor adeprendido unha tarde de primaveira, baixo os carballos, cando co as rodas das roscas de fariña branca, manteiga e unha ducia de ovos, foron â festa de San Cibrán, cun mal de ollo que lle levaba a vida a algún parente.

Os bois, o carro, o carreiro y-o can, non son máis que un renxer levián na lexanía, envoltos no pô do camiño que ten sonos de nubens.

Pouco a pouco, a roupa dos tendales erguidos â orela da corrente, vai enchendo as tinas ô tempo que a y-auga no seu marmular manseliño, arrastra o último destello de lus.

O muiño do Menexo vai quedando soio. Silenzo e guiñadas no ceo das primeiras estrelas e un rebrilar de prata da lúa, choutando nas augas, nos arbres e nos lameiros, pra que o crespón de loito deitado pol-a noite no muiño, non sexa a mortaxa do seu rodicio morto, que xa non moe.

A lus da lúa lavándose no río é un anaco de ledicia no silenzo da paisaxe.

Varela, Lorenzo

O touro [155]
(Na proba d'o bispo Adaulfo)

¿Quén lle dixo ô touro verde
nas ribeiras verdes de Iria
o que non sabía a morte
o que a serpe non sabía?
-¿Onde vades, feligreses,
que non levades folía?
-Imos ver si a cruz é demo,
si é muller a varonía,
si o que era peito foi lombo
si se trabucóu a vida.

¿Quen lle dixo ô touro verde
segredos de sodomía?
¿ou como viron seus ollos
unha verdade escondida?
De corno a corno levaba [156]
o touro verde de iria,
unha aureola dourada
como un sol morto na ría.
¡Aquel touriño non era
touro como os desta vida!

Os bois [157]

Xunguidos ó carro dos chantos
Fendían os regos, espallaban os croios,
levaban nos lombos o sol da xesteira
E no peito un monte de touros e orballos.

Unha xunta de bois que puxa en diante,
Que berra, fungue, muxe,
Deixa ao pasar unha mirada morna
O mesmo que esas ondas poderosas

[155] LV1:24. Este tema xa foi tratado anteriormente por Xosé María Álvarez Blázquez.
[156] No texto: *levava.*
[157] LV2:74-75.

Que pousan nas areas dunha praia
O mar enteiro, doce e paseniño:
Cal unha escuma branca
Na palla loira do pombal.
¿Que pensan xunto ao río?
¿Saben eles que teñen
cor de nube caída?
¿Que cando chega a escuridá da tarde
eles son o solpor no milleiral?
¿Que cando se recostan na friaxe do prado,
alansando, semella que respiran
os pulmóns palpitantes dos astros?
Xunguidos ó carro dos chantos,
os bois son deuses cegos
Que levaran o campo, de xionllos,
A unha estrela sen bágoas e sen muros.

Vázquez, Pura

Os bois [158]

Bestas doces do arado...
Tecen sonos de paz
e mansedume,
e trémalle nos ollos
o goio da terra húmida,
o marmulo da iauga
polos sulcos,
o cheiro quente
do estrume,
a luz espellada,
a frol campesía
a semente que regan
cada vegada en suores,
árbres e pedras,
e o mésto piñeiral antergo.
Os páxaros xurden
estronicios nos valados,
nas ponlas
das mazairas vellas,
nos cómaros
da tarde,
onde brilan fouciños
de apagadas lúas, tépedos
solpores recendentes,
chían melros agoreiros.
Ó pé dos codesales
ouropéndolas e xílgaros
cantan nas ramaxens verdes,
onde o labrego xungue
as xugadas mornas,
ollando o sulco
aberto da semente...
Camiño da casa,
home e bestas incrinan
a testa, cansos, desandando
entre os vellos vieiros
de piornos e toxo...
Súpeta, cai a noite
de bruces sobre os nillales,
sobre a follaxe das carballeiras,
polos soutos e a terra aberta
da sementeira;
e os bois dormen, abafando
na lansedade da canseira,
mentras sobor dos árbres
e os tellados,
can muxicas de estrelas...

Vázquez Pintor, Xosé

A memoria do boi [159]

Boi tiña as ventas gastadas polo anel, coma unha adarga. Rebordaba pola dereita un fío de furia que a penas chega ao chan de pedra, aquí onde tantas veces oficiou de señor de si mesmo e para o amo, aquel vellote arrequecido en flamas e sarcasmos, que atendía aos visitantes polo nome de don Manuel de Quintáns, de alto chapeu de abas e *roscov* de cadea fina en prata de Santiago de Cuba, que deixara o avó nun cofre, como testado minúsculo para quen gardase a casa e o bo nome despois do ano da súa perda. Era tardeiro. Coriscaba de abondo. E un brazo da mera esmagaba os puchos das curotas. Baleira a aldea, o boi soneaba de seu. E o amo atendía.

[158] PVa:16.
[159] XVP3:11-18.

-*Rubio, vai.*

A corna virou cara á voz, pero non así a vista, porque estaba cego. Fora quedando fóra da luz dun xeito tranquilo, engorde, coma se a resignación botase un aire de cubrición para domesticar o mal tempero de antano, cando o orgullo ventaba de lonxe as moitas vacas e xuvencas que viñan para recibir a herdanza.

-*Rubio, vai.*

E foi póndose en pé, alzado ás catro patas, coa xugueira marcada polo vulto extremo que lle dera sona de caste. Seica os bois rubios gardan aquí a memoria, a caixa negra, por eso aqueles que a teñen case en tallo coas agullas non deben coñecer nunca o labor do xugo nin a inútil castración.

Manuel de Quintáns sentou ao seu carón. Tentou coa mau a barbela e falou só.

-¿Oes?, teño en ti toda a miña aquela, a confianza, olleite nacer, medrar, picar, cubrir, minguar... es coma a memoria excelente, como da casa; por eso estás aínda, ata que alguén decida por nosoutros este remate de lerias clandestinas; ¿oíches, Rubio?, nunca cho contei por aquelo da prudencia, pero eu fun un mal home, un mal fillo, un mal pai, en moitos anos de andadura, xa antes de ti naceres, moito antes, trataba nas feiras, chambra e tesoira, balouco, ferro no peito, duro o estómago e ancho o costurón da blusa e a boca negra de palabras aprendidas..., axiña chegabamos, ¿oíches?, de cedo ás casas, uliamos os becerros de lonxe, coma se o vento dos mamotes, a calor do cocho, os ollos alegres dos vitelos rechamaran coa forza do instinto; había fume de amencida nas tellas, lazo branco da noite a se derreter pingando para que a terra beba; ¡eih, de mañá!, ¿hai facenda prá feira?; fomegaban os cigarros máis cá aldea; e viña entón a mulleriña do mandil gastado, recollidos os periquetes cunha fibela de amaño, abertas as maus: algo hai, si, señor; e sen licencia entramos polo curro das voces, ulideiras a bacoriño, estrume, cinsa, pote dos nabos onde amolece todo; ¿e non hai caña?; hai, si, señor; o cu dun vaso abonda para ferver na arca do peito, limpar as vías, bruar no ventre; ¡está boa!; ¿e logo non ha querer unha pingueiriña máis?; ¡pois logo bote outra, pouca!; e pouca nunca era nas casas dos labregos pobres.

Rubio cae outra vez vencido polo peso do tempo, engorde, afincando a punteira do pé mancado para que o xeonllo esquerdo dobre cara ao tempero do corpo, todo el descende coma unha montaña no sumidoiro da luz. Manuel cubica as palabras e bota a mau á corna, un aloumiño, esa fe do amo. Os ollos do animal convencen e deitan esa libración da bágoa que non é mentira. Caíña, retorce a arca e retrae o pé lacerado coma un colo para gardar as pallas. Manuel resiste a indiferencia, presente que o boi non debe ter axuda, non a quere nunca. E deixa o caxato de sobreira a rentes da parede, o caxato da brega nas feiras, o amansador, o fino balouco das viaxatas cumpridas, chaleco e chapeu, billetes a madas que cinguen o corpo, rebenta o peto e o pistolón garda o medo.

-*Bah, Rubio, bah.*

Hai que remoer. O cerebro manda as ordes á panza, á redeiriña, ao coallar… e o motor da herba ponse en marcha. Boi amosa a sintonía dos recados nun rou-rou inalterable, sete veces trousa e tres descansa e volve. O ritmo non desmerece o esquecemento. Manuel fai mentes na primeira cabronada de feira, que non é nada, a penas un lixo para o que logo sempre foi. E confesa.

-*Pois xa que o sabes, voucho dicir.*

Coma se a culpa fora feita pública e os rifantes da memoria andaran desde sempre acó coa barafunda dos sapos na noite morna: *lolo cabrón, lolo cabrón, lolo cabrón.* Son as catro da tarde en outono, que é como dicir o transo de agora ou nunca, que despois a luz esmora, baixan os morcegos, deita a nube encol do río, pesan as pegadas e hai que meter caña e anis das Cadeas, do Mono, de María non sei que, para pasar dez horas, alomenos dez sequera, na postura do cetme, do pistolón, das tesoiras... tranquiliño, Manuel, non sexas témero. Anque pete o vento cos puños no cristal. Hai tranca de pau e de caña. A figadeira dorme e incha, incha e dorme. E abaixo dos teus está boi Rubio, parte de ti, os dous mancados, vellos. Todo remoe. Ten a lepa no ollo primeiro en cegar e ver nadiña, derrama auga que non cae por el, auga que seca engorde, coma se a pel bebese e fose un ciclo curto do océano da vida. Ollo dereito está branco paspallás, a cor da noite cando é día. A derradeira mosca negra, só carozo, carrapucho, ouca, baleiro, lampexa sobre a testa, que aínda oculta o punto feble que sabe o carniceiro, coma se os xenes nunca se rendesen. Non se rende boi e move a testa, alterna,

unísona coa marcha de ida e volta no compás do insecto. Manuel entón decide. A mosca é na súa mau unha mancha cutre de ferragachos, casco que esvara, nin ruído nin noxo, suicidio e fame. Boi remoe. Non hai silencio, porque o silente aquí tamén é culpa das lembranzas que o psiquiatra dixo ser terapia de seu, desespero incesante para subir ao colmo da meseta, chaira permanente na diagnose, sen máis descargas de autoodio, xa que a estima está e segue a vida, o alimento, o futuro. Pero Manuel dóese da arca e tose seco: voz que se pronuncia contra os muros onde as arañeiras son a referencia. Corre un sapiño ousado polo corredor de fóra, vai de esguello, que ben se nota o camiñar da desconfianza, o chouto da viveza, no serán tardeiro, antes que o solpor relampe e haxa que deixar o amigo só, nas horas do desalmo, cando un e outro collan o rego do sono ou o corgo da vixilia. Duro acordar. Boi a penas dorme. Entrégase o amo a lle dar leria desde o cuarto nunha voz de matices, coma se as vacas do universo fosen vindo á aldea nesa procesión de obrigas. *Bah, Rubio, bah, vai vindo, ah, be, súbea, ben, boi, vai ben, bah, guuss, guuss*. O corisco non cesa e o nariz arrefría, perde a crica, pinga. Boi recolle. Unha espiga de millo corvo, unha mada de fariña, auga quente, moita sede pasa o boi que tanto cobre, cravea nas matrias, gasta corpo e alma, dá proveito. Pero ten a vista cega. Tráenlle a xuvenca, a das ancas alzadas; e el só lambe, pasa o gume do ceo pola natura perfecta, do trinque; e sente o boi como se molla por dentro: vai por derradeira vez. Afinca os pés traseiros. Rompe a freba do xamón e doe, sangran as xuntas. Pero Rubio está na cima. Manuel conduce a viaxe do pasador e entra todo e máis alá. Descarga. Descansa sen baixar. E volve. Moito son dúas veces. Pero volve. Algo lle di que nunca máis. A xuvenca agradece. Pandea. Abre. Navega en terra firme. Soña. ¿Pero soñan as vacas? Os amos son felices. Atenden por acenos. Poden as palabras ser estorbo. E boi sacode. Un lombo estragado que pesa. E a xuvenca avanta uns pasos, alegre cara a fóra, dona da corda ceibe; vira a testa e os ollos, que están plenos de luz e fermosura. Pero boi cae. Ridículo peso morto a se derrubar na terra. Roto o músculo. Non é capaz de enorgullecer de volta co seu peso en pé. O ollo dereito permite ver unha miaxa de home duro. ¿Boi? E Rubio tronza. Nunca o anel tocara o chan. Nin se luxaran as ventas coa color da bosta, sen herba.

-*Vai vello, Manuel.*

-*Vai.*

-*Son os anos, coma nós.*

-*Son.*

E a xuvenca deu unha puchiña rubia, do fulgor das cervas. Anda fóra. Pasa lixeira pola porta de boi. Non sabe nada. Pero Manuel cavila. Téntano os de Garabás, visitadores das cousas na derradeira ruína. Porque boi é case cousa se non fose a memoria. Manuel decide que sempre non e péchase definitivamente na palabra, no trato. Aloumiña o lombo e sente a mornura, a pel limpa que nunca coñeceu o ferro do aguillón. Tamén aquí está o latexo do músculo que manda o sangue polos regos, un latexo que marcha coma o vello reloxo, máquina que vence. Aínda ha sobrevivir á miña morte, pronuncia Manuel. E boi atende. Pousa a unlla sa, afinca a mau dereita, arrastra, xeme e alza a testa, coma se o aire fose un guindastre. Está en pé e semella aínda moito corpo enteiro. Os brazos do amo apertan o peito do cego que conduce o instinto da revelación e fala, nun brado escaso, roto. O berro tronza o silencio e Manuel presente o perigo, porque boi é de palabras mínimas. Afástase. Boi vén vindo cara a fóra, ségueo polo curro, firmes os pasos. O home abre a billa da auga que cae na pía de pedra e foxe polos banzos do corredor. Boi bebe fresco, tantos litros como pode a sede cando hai seca. Entón Manuel xura para si, afincadas as maus na balaustrada, que boi morre axiña, é o sinal. Pasa o tempo. Os dous necesitan a tenrura. E baixa polos banzos, desconfiado da derradeira forza, a vista enteira nas cornas, disposto a dar axuda, e se hai que morrer no accidente antes ca el, tamén se morre. Escoita boi os pasos do zoco de bido contra a pedra e baixa a xugueira, como nunca fixo, desatende o punto, a caixa negra. Se o amo quixer este sería o intre da furia e do remate. Pero Manuel esquece o machado, avanta e cala. Toca coa mau témera o corno dereito e boi atende, segue os pasos do amo e vai con el cabo da corte, regresa así ao cuarto do silencio coma un ronsel de cobra. Deita alí e alza a xugueira da vida, sen que nada houber, para que Manuel recorde e fale de volta coas palabras.

O tallo ten o asento de carballo, co burato feito por un nó que deixou o sitio, acaso para que alivie o ventre cando canta. É un tallo de herdanza, que crebou os pés innúmeras veces polo mal trato. Nel sentaban as mulleres do outro milenio cando munguían. Tallo sabe dos

cus da tribo, da calor e dos esquecementos, porque cando eran os tempos da fame e non habla leite nos cochos, porque os cochos non estaban na corte, porque a corte era só un resto da memoria, un refugallo, o sitio que tomaban os gardas no canto da guerra para as testemuñas:

-Di agora aquí onde cona está agochado o Foucellas ou non ves máis a túa nai, fillo da gran puta.

Fash. Estralaba a hostia. E o rapazolo ollaba caer os dez ou vinte relampos, tris tras, sen queixas, sen unha voz. E o cabo mexaba nas maus. Tallo, enriba, pendurado coma un renco, xa co ollo aberto do cu. Tallo sabe. E Manuel canta a vida do Foucellas, agora que xa. E cando no regato, pasado Trasanquelos, o víu cruzar, cheo de chuvia, que era ballón, sorrindo: ide axiña prá casa, que non vai escampar. Foi lixeiro pola devesa, perdido nos carreiros. Un tempo aló e escampou. "¡Nai, vin o Foucellas, érao, si, era el!" "¡Pois come e cala, rapás!" "Si". E de mañá cedo outra vez o cabo e un número a petar na aldraba, que era unha mau feituca coma un puño de ferro. Tac, tac, tactac.

-Seica andou pola aldea o mesmo rastro do demo, esta noite debeu ser.

-Ai, non, señor.

-¡Quero ver!

-Pois vexa.

Tallo sabe e cala. O ollo respira.

-¿Sabe, siña Carme?: se garda o segredo fágolle un coador co peito; ¿ve aquel tallo?, ten un buratiño no cu, ¿ten ou non ten?

-Si, señor, ten.

-Pois repare sempre ben nel, ¿si?

Boi escoita con atención. Manuel xuraría que o sente suar, que o animal comeza unha crise interior. Toca o peito, a corna, o lombo. Todo el frieiro. Corre o amo fóra e trae axiña herba seca, palla centea, tapa buratos na parede, controla o fumareu do outono que cae coa folla da parra. Fai un viorto e pásao polo corpo do boi doente, agora si, e hai uns pálpitos, calafríos, treme a pel coma se un medo andase dentro. O viorto viaxa polas xeografías todas, con forza, firme nas maus. E boi rompe a suar. Garula o peito. Unha nube de frío infeccioso chouta no ventre e sae polas bocas cara ao exterior. Un aire que fede. Boi alivia, tenta erguerse e érguese á fin. Tremelica a montaña sobre os catro garabetos, coma un tallo antigo. É a penas unha ruína a suplicar a morte. Manuel olla as agullas abertas, o burato libre; a testa vencida, concedendo a liberdade para o machado. Unha bala só aquí e xa descansa todo en paz. E despois eu. Relampa na memoria un neno que vai coa sombra do guerrilleito de Oza. Sobe ao cuarto e colle o pistolón. Descarga e guinda as balas no pozo sen auga, un pozo negro e seco onde foron caendo os anos e os lixos, onde morría sempre a voz dos nenos que ainda saben xogar ao prohibido.

-¿Ou como é?

Manuel debuxa o rostro do último veciño de Quintáns. A fronte sen sombra, gabán de pano grisallo, ollos a desmedir as distancias, moradores os dous da aldea fantasmal.

-¿Que tal vai o boi?

-Vai.

-¡Ai, logo, ben!

Yáñez González, Manuel

O arador [160]

¡Afellas, os bois baixaron
desque na feira os comprei!
Ben os pobres traballaron...
¡Eí, boi, eí!

Mais sementei este trigo
e non habrei de comelo...
¿pois logo quen? ¡nada digo!
¡Eí, marelo!

[160] MYG: 3. O diálogo entre o arador e mailo seu gando aparece en diversas ocasións na literatura, como neste poema de Manuel Yáñez González, escrito en 1897 pero publicado en 1922.

Pra axuda da miña casa
boa anada collerei
¡Sabe Deos o que nos pasa!
¡Eí, boi, eí!

Xa queda ben sementeado
estrumado n'hai que velo.
¡E nada direi de arado!...
¡Eí, marelo!

E pra o primeiro domingo
po-la leira tornarei
pra ver se nado o distingo.
¡Eí, boi, eí!

Ao rego, ao rego velliños
non torzades o argadelo
traédemo ben pobriños.
¡Eí, marelo!

Unha cruz de palla feita
aquí no medio porei
que as meigas poña en desfeita
¡Eí, boi, eí!

E Deos que é todo bondade
e a Virxe que é toda celo
xa terán de min piedade.
¡Eí, marelo!

Xa remato, e fame teño.
¿Mais qué dixen ? ¡Calarei!
Que ser soberbo é do deño.
¡Eí, boi, eí!

16.2. A vaca e o boi como metáfora

A literatura social galega atopou na enorme forza controlada do boi, na maternalidade da vaca e no carácter dos dous (pacientes, sufridos e resignados á súa negra sorte) unha metáfora da vida do proletario galego. Por iso diferentes escritores utilizaron este animal, macho ou femia, como metáfora da realidade social do home galego. *Ou Galicia, Galicia, boi de palla / canta lástima ten de ti o gaiteiro* din os versos de Xosé Manuel Pintos. E F. Porto Rey escribe *dous bois cegos / con traballo, costa arriba, pouco a pouco van turrando / ... /Os bois cegos son o tempo.* E Xesús San Luís Romero di *Com'o boi que turrando vai do arado, / Eisi ti, vas levando, ¡meu coitado! / A cruz âs costas sen erguel'a testa. / Esperta, Xan Labrego do teu sono.*

Nalgúns escritores galegos, maiormente Eladio Rodríguez, percíbese a sensación de que tódolos seres vivos formamos unha unidade, de xeito que a paisaxe ten alma e os montes e mailas árbores falan unha canción cósmica (Eladio Rodríguez denomínaa *oración campesiña*) e tamén os seres humanos e os animais forman parte desta paisaxe viva: os humanos vimos da terra e habemos volver a ela. Dentro deste parentesco cósmico as semellanzas entre unhas especies e outras son tantas que os labregos galegos e os seus propios bois parecen se-lo mesmo ser que sofre en silencio e que, cando se ve ceibo, ou non sabe ou non se quere redimir. Como as xentes das aldeas desta terra teñen condicion de servos (*¡Meus marelos!*). Mesmo cando se levan ó matadoiro son réplica do que os homes fan uns cos outros cando a humanidade tolea (*Os novos mártires*).

Fr. Marcos da Portela [161]

O Catecismo do Labrego

"- ¿Qu'entendedes por home de labranza?
- Unha caste de boi posto de pé, unha máquina de sacar cartiños d'a terra" [162].

"¿Cómo saberá [o labrego] o que ten que traballar?
Vendo que [...] desque lle chaman á un *volo* n-o bautismo... [163] hastr'o matrimonio en que nos xunguen á unha muller pra facer unha xunta de boy e vaca que ha turrar pol-o carro d'a familia temos que soltar os cartiños d'unha maneira ou d'outra, pois si non é por fás é por nefas".

[161] Pseudónimo de Valentín Lamas Carvajal.

[162] FMP: 6.

[163] FMP: 10-11. Cando o bautizo se facía en latín, o sacerdote preguntáballe ó meniño se se quería bautizar e el, por mediación dos padriños, respondía *Quero*, en latín *Volo.* É dicir, que chamar non lle chamaban nada pero iso interpretaba humoristicamente a xente que non entendía aquel diálogo latino de *Vis baptizari? –Volo.*

"¿Pois cantos infernos hay?
O inferno d'os que pagan trabucos...; o purgatorio...; o limbo d'os nenos...; y-o limbo d'os xustos, onde viven os alpabardas que cren [...] en que han de sair campantes dos seus atolladeiros sin untar o carro, y-en que lles han facer xustiza tendo somentes razon" [164].

"-¿Quén son os pacífecos?
- Os bois e nosoutros" [165].

Boi e vaca son fortes coma o home, traballan coma o home, padecen coma o home e por iso son o retrato e símbolo do proletario rural galego. Desta visión chea de empatía co animal nace non só a incomprensión maioritaria do fenómeno da tauromaquia ó estilo español actual, senón tamén a visión unívoca que deste animal encontramos na case totalidade dos textos literarios galegos. A seguir ofrecemos unha pequena pero significativa escolma.

Autor	Título
Álvarez Limeses, Gerardo	*Como os bois*
Anónimo	*Ben dito*
Babarro González, Xoán	*Sen título*
Bouza Brey, Fermín	*Pra facer un feitizo...*
Cabanillas, Ramón	*Meu carriño*
Carballo, R.	*Fiestra ô amor e â cibdade*
Casares, Carlos	*Unha vaca e un can*
Castro, Rosalía	*¡Prá á Habana!*
Conde Salgado, Ricardo	*O que foi*
Crecente Vega, Xosé	*O fortunatos nimium...!*
Curros Enríquez, Manuel	*O Ciprianillo*
Díaz Pardo, Isaac	*O feirante*
Feyxó de Araújo, Gabriel	*A contenda dos labradores de Caldelas*
García Lorca, Federico	*Cantiga do neno da tenda*
	Canzón de cuna pra Rosalía Castro. Morta
	Romaxe de Nosa Señora da Barca
Horacio	*Beatus ille*
Lago González, Manuel	*A loita pola Patria*
Lama, Xavier	*Sen título*
	Cuestións inocentes
Lamas Carvajal, Valentín	*¡Ey, boy, ey!*
Losada, Benito	*Os bolos*
	Pol-as Pascoas
Pepe do Rollo	*Nos touros*
Pereira, Aureliano J.	*O boy solto...*
Pereira, Aureliano X.	*Cousas de vellos*
Pérez Ballesteros, José	*¡Bo lagarto!*
Pintos Villar, Xoán Manuel	*Soneto*
Porto Rey, F.	*Vida adiante*
Prado *Lameiro*, Javier	*Axexando*
Rodríguez González, Eladio	*O carro labrego*
	Os novos mártires
	¡Meus marelos!
Salgado y López-Quiroga, F.	*Parrafeo montañés*
San Luís Romero, Xesús	*A Xan Labrego*

[164] FMP: 17.
[165] FMP: 41.

Álvarez Limeses, Gerardo

Como os bois [166]

Pol-os camiños da vida
empedrados de door,
entebrecidos cas ombras
da primeira maldición;
calmando a sede da terra
co as folerpas do suor,
a fame allea abracando
co as fibras do curazón;
ô carro do sufrimento
cinguidos de dous en dous
el e ela -almas xemelas
que o mesmo ñudo apretou
rubindo van os labregos,
¡coitadiños de El Señor!
costa enriba, costa enriba
¡Como os bois!

Anónimo

Ben dito [167]

Tres cregos de romería
S'atopaban certo día
Cando ven un rapás diante
Que con tono sopricante
Unha limosna pidía.
-Dí cal d'os tres é millor
E dámosche de comer-
Díxolle un crego.
-¡Siñor!-
Dill'o probe -¿Quen millor
Que vostedes o ha saber?-[168]
-Pois logo vaite con Dios
-¿Non me dan un bocadiño?
-Non, que che vai facer tos;
Di cal e millor, e nos
Dámosche pan, carne e viño.
Pro logo, e si qués comer [169]
Xa nos podes ir ollando.
-Pro siñor... ¿eu qu'hei facer?-
Dix'o probe -en tan ruin gando
¡hay tan pouco qu'escoller!

Babarro González, Xoán

Res que n'a feira sempr'anda
e moza muy festexeira,
será cousa de milagro
que algún defeuto non teñan. [170]

Bouza Brey, Fermín

Pra facer un feitizo... [171]

Sabugueiro da folla repinicada
pol-o Mayo estralando de brancas
frores,
collereiche un ramallo na madrugada
pra facer un feitizo pros meus amores.
Que non fuxan os melros que fan o
niño
no máis mesto currunchо dos teus
verdores:
engazareiche as ponlas moy a modiño
pra facer un feitizo pros meus amores.
Cocereiche con cornos de vacaloura, [172]
con fiuncho e con ruda dos arredores
da ermida feituqueira da Virxen loura

---

[166] XAL:54.
[167] AN16c:80.
[168] No texto: *ó ha saber.*
[169] No texto: *é nós, pan é viño, é si qués comer.*
[170] XBG:788. Texto ofrecido por Antolín Santos Mediante Ferraría.
[171] FBB:10.
[172] No texto: *bacaloura*.

pra facer un feitizo pros meus amores.
Pra este amor, sabugueiro, que me
entolece
tuas frores segura menciña son,
que tí tamén froreces cando florece,
bermelliño de rosas, meu corazón.

Cabanillas, Ramón

Meu carriño [173]

¡Carriño forte e xeitoso
meu carriño,
arrolador e mimoso
como o berce d-un meniño!

¡Meu carriño cantareiro!
¡O de xugo e cabezalla
co-a puntiña da navalla
pulidos da miña man!
Sempre ô paso, sempre xuntos
entre estripos, e entre frores,
cantemos nosos amores,
sin sair do noso chan!

¡Meu amor de carreteiro!
¡Meu carriño!
¡O do eixo de ameneiro
e os canisos de sanguiño!

Lévame, meu carro, leva,
pol-a meiga terra nosa
que a miña alma saudosa
lonxe dela no se afái.
¡Lévame por onde escoite
a fala doce e sentida
entre bicos deprendida
no colo da miña nai!

¡Roda polos nosos eidos!
Anque hai lama no camiño,
¡é tua terra, meu carriño,
e a terra de meus abós!
¡Non collas pra chan alleo!
¡Non me leves a Castela
que non quero nada d-ela
xa que arrenegóu de nós!

¡Bermello, leva coidado
c-o carriño,
que pode caír tumbado
no goyo dun tremesiño!

Canta, meu carriño, canta
a redención esquencida,
o dor da Terra ferida,
de traidores e ladróns.
¡A alma galega dorme,
a santa Ideia está morta
e tés de ir porta por porta
encendendo os corazóns!
Berra por vilas e aldeas,
que hai que vingal-a inxusticia
dos que teñen a Galicia
axugada c-un cansil.
¡E dille ós irmáns que atopes
que nas mans d-un home enteiro
o estadullo carreteiro
non lle ten medo ó fusil!

¡Marelo, tira con xeito
e amodiño,
que hai que andar moi ó dereito
c-o eixo do meu carriño!

Oxe corredoira abaixo,
mañán corredoira arriba,
mentras ti dures e eu viva
teremos un camiñar.
E cando ti xa apodrezas
e eu dé o laio derradeiro,
¡qué fagan do teu chedeiro
a caixa pra me enterrar!

¡O de eixo de ameneiro
e os canisos de sanguiño!
¡Meu amor de carreteiro!
¡Meu carriño cantareiro!
¡Meu carriño!

[173] RC2:219-221.

Carballo, R.

Fiestra ô mar e â cibdade [174]

Traguede dinamita,
porque quero voar
esa ponte de anguria
que vai do hoxe ô mañán,
da incertidume ô logro,
da espranza ô gozo certo.

Tempo, boi canso, dime:
qué aguillada afiada,
punxente, podería
apresurarte, darche
presa, boi canso, tempo?

Casares, Carlos

Unha vaca e un can [175]

Aproveitando que as tardes están moi boas e que o sol aínda loce case ata as seis, onte fun dar un paseo polo monte, aquí preto da casa. Primeiro atopeime cun can feo, con pinta de mala persoa e co aspecto inequívoco da xente covarde. Nada máis verme, arrimouse a unha beira do camiño, meteu o rabo entre as pernas, virou a cabeza cara a min, sen mirar de fronte, senón de esguello, e rosmou a medio dente. Non lle fixen nin caso e cando se sentiu libre, feliz de que eu non o atacara, botouse a correr como alma en pena, mirando de cando en vez para atrás e ladrando sen convicción. Tiña un parecido con Kissinger.

Non o digo por facer un chiste barato nin por meterme con ese señor, pero é certo que se lle parecía. Pasa a miúdo que unha persoa se asemelle a un animal. No verán pasado, o amigo Rincho, que viña por Panxón case todas as noites ata que tivo un incidente co dono da cafetería porque se dedicaba a dobrar culleres coa forza mental, presentoume ó seu can dicíndome que se parecía moito a el. Pois eran exactos, de corpo e de cara.

Despois do encontro co can, atopeime cunha vaca. Estaba pacendo nun eido, tranquila, e supoño que preñada, a xulgar pola barriga. Ergueu a cabeza para mirarme con curiosidade e eu parei para vela de cerca. Non creo que as vacas sexan especialmente bonitas, a pesar de que Homero se valía dos ollos grandes que teñen para ponderar a beleza dos ollos das mulleres guapas. Gastan todas un aire de *marujas*, de xente doméstica, non demasiado elegantes, incluso as máis novas. Pero en xeral, son agradables e pouco presuntuosas, ó revés do que pasa coas galiñas, que resultan presumidas. Cunha vaca ata se podería tomar un café.

Castro, Rosalía

¡Prá á Habana! [176]

Vendéronll'os bois,
vendéronll'as vacas,
o pote d'o caldo
y á [177] manta d'a cama.
Vendéronll'o carro
i as leiras que tiña;
deixárono soyo [178]
c'o á roupa vestida.

María, eu son mozo,
pedir non m'é dado;
eu vou pó-lo mundo
pra ver de ganalo.
Galicia está probe,
y á Habana me vou...
¡Adios, adios, prendas
d'o meu corazón!

[174] RCa:5.
[175] CC.
[176] RdC1:211.
[177] Rosalía acentúa os artigos *o a* en *ó á*.
[178] No texto: *deixarono soyo* Rosalía escribía o *x* palatal con diérese para distinguilo do que represente a consoante dobre [ks].

Conde Salgado, Ricardo

O que foi [179]

Pol-a porta da veciña
tía Pepa do Coteno,
pasou c'as vacas pr'a fonte
o tío Fuco Castelo.
- Boas tardes, Pepa, dixo.
- Boas as teñas, meu vello;
¿Cómo che vai? -Ben: ¿e tí?
-A voltas com'argadelo...
- ¡Qué romedio, miña filla!
outro tanto pra mín teño,
que agora, Pepa, xa os anos
nos chaman o ciminterio.
-Eche ben certo, Fuquiño,
parolas com'o Evanxelio.
¿Acórdaste, meu amigo,
da festa do San Ruperto?
Cumpr'hoxe corenta anos
topáchesme no cuberto
e... -¡To, vaca, condanada!
¡Marela, vente pr'o rego!
¿Inda te acordas, Pepiña?...
- Coma se estuvera preto.
- ¡Ai, Pepiña! aqueles días
pra nunca máis xa volveron
Ti eras moza, e boa nena,
abofé, de moi bon xeito;
eu era rapaz querido
de cantas me conoceron;
tí gustáchem' eu gusteiche;
tí de fogo e eu de cerro [180],
soprou un trasno e daquela
aló baixo do cuberto,
dinch'un bico, e outro e... ¡Vaca!
¡Condanada, ti é lo demo!...
Pepiña, que Dios te axude.
- Adiós, Fuco, adiós... ¡¡Qué tempos!!

Crecente Vega, Xosé

O fortunatos nimium...! [181]

Ben ditoso é o labrego que se poda
valer en si, sin traballar no alleu;
quen ten para dar ós fillos unha coda;
un peso para gastar; gado de seu.

Terras onde escoller, se axuda a sorte [182],
o maínzo a fartar, trigo e patacas;
e bos estrumes para meter na corte,
e bos regados para mante-las vacas.

E unha casiña, en pedra pedrexada;
grande a lareira, para que a rolada
de nenos queipa ó rente do remol.

Con seu hórreo na eira, o seu alboio.
Ancho o curral. Ventás de cara ó sol…
Quen esto ten ¿para que quer máis
choio?

Curros Enríquez, Manuel

O Ciprianillo [183]

Xan de Deza, bon labrego,
que deixache tanta sona
nas Castillas,
onde, manso boi gallego,
fuche a gala, a fror i a tona
das cadrillas.

---

[179] RCS: 104.

[180] Segundo Eladio Rodríguez, cerro é "manojo de lino después de rastrillado, para hilarlo en la rueca" (ERG).

[181] XCV:255. Nota do editor: "*¡Ouh en extremo afortunados…!*. O poeta déixase levar pola vea clasicista, recorrendo aos versos de Virxilio [Xeórxicas 2,458-459] para encabezar este poema". Engade que "Resulta evidente o paralelismo deste poema crecentiano co "Beatus ille…" e nomeadamente coa versión galega que desta peza horaciana fixo don Xosé María Mosquera: *Feliz quen vive, cal os doutro tempo,/ lonxe de barafundas,/ e labra os eidos que seu pai labrara/ con xugada de seu, libre de usuras*". Máis en diante veremos unha parte desta tradución do poema de Horacio.

[182] Nota do editor: "Sobre a teima na obra crecentiana na propiedade privada en terras e gando para vencer a miseria das clases humildes do campesiñado, cf. 2.1-6. *'Cavilando coma un tolo / entre trasgolo e trasgolo / pensaba na cama eu sòlo / como pôrme en gado meu. / ¡Ter vacas miñas! ¡Canté! / Prò fai falla ter un pé.* Comp. Leiras Pulpeiro *Matouse por ter xugada* (vv, 1-4): *Matouse por xugada, carro, e chouza, e bes de seu; / e así que a tivo lograda,/ deulle a da morte… e morreu.*

[183] Primeiros versos do poema de Curros, *O Ciprianillo* (MCEb:262-265).

Mau de ferro, brazo forte,
fouce de ouro a máis lucida,
rei da sega,
que sin medo algún da morte
te afanache toda a vida
na refrega.

Xornaleiro que aforrache
máis que toda a freguesía,
traballando,
que de teu a ter chegache
unha terra regantía,
carro e gando.

Díaz Pardo, Isaac

O feirante [184]

Ti sí que tes saneada túa facenda i entendes ben teu traballo. Eres o intermediario entre o que fixo ou fai as cousas e o que as consume. O millo hai que traguelo de fora pra manter o gando, e ti non ibas a facer ista laboura sin cobrar ren. Logo o gando tamén hai que sacalo pra fora pra vendelo porque na bisbarra non se papa, e ti sabes ónde se vende millor. Túa laboura é ben precisa. ¿Qué iba a sere da produzón da terra se ti non especularas con ila? Apodrecería. Craro que ti sabes que no troque e mandroque do teu comercio a terra non é a que se leva a millor tallada, pro ísas son cousas xa vellas, cicáis incurábels, e non teñen por qué preocuparte. Ti tes que faguer que se vendan cousas, como sexa, pro que se vendan, pra ti asegurar a túa parte, da que se leva tamén boa tallada o fisco. ¿E inda ibas a preocuparte se os labregos perden ou non no que ti lles vendes? Eres un busca-vidas que pasma á xente. Agora tes un negocio ben porparado. Será a millor venda que fixeche. Aquela terra moura do Miñovedro xa hai quen a merque. Os americanos que ti troxeche din que a veta chega até Lorbé. Ti denunciarás a mina, e na sociedade daránche a parte que as leises non lles permite ter ós estrenxeiros. Craro que a parte túa non será toda túa, porque a mitade é tamén dos americanos e inda terás que darlle do teu algo ó cacique pra que non haxa enxangamentos. Con todo, o negocio é bo e permitiráche vivir en Madrí. ¡Qué cousas! Aquel rapaz que decía que aquela terra deberíana eisplotar a mesma xente do rueiro debía estar un pouco tolo. ¿Pra qué queríamos nós isa terra? Dicen que agora se vai pra América, e ti pensas que sente ademirazón polos americanos, porque… ¿non se irá fuxindo de ti…?

Feyxó de Araújo, Gabriel

A contenda dos labradores de Caldelas [185]

LABRADOR
Desque se acabou a guerra,
¿guerra quer esta canalla?
Eu penso que han de aqueibar
co cano da miña bara.
Ten a culpa a freiguisía
en darlle tamañas asas.
Juro por tantos e cantos
que a han de ver denegrada,
anque a justicia me leve
os bois da corte i as vacas.

Eu pido usos e custumes:
calen barbas, falen cartas,
o papel o raçará
-que quedou da antigualla-.
Juro a San... que han de redar
somentes unha redada,
ou ha de haber o diabro
na fenteira; amais, na ágoa
han de beber muita e dela
sen que dela teñan gana.

García Lorca, Federico

Cantiga do neno da tenda [186]

Bos Aires ten unha gaita
sobro do Río da Prata,
que a toca o vento do norde
coa súa gris boca mollada.

184 IDP:122-123.
185 GFA. Transcribimos só un fragmento.
186 FGL.

¡Triste Ramón de Sismundi!
Aló, na rúa Esmeralda,
basoira que te basoira
polvo de estantes e caixas.
Ao longo das rúas infindas
os galegos paseiaban
soñando un val imposíbel
na verde riba da pampa.
¡Triste Ramón de Sismundi!
Sintéu a muiñeira de ágoa
mentras sete bois de lúa
pacían na súa lembranza.

Foise prá veira do río,
veira do Río da Prata.
Sauces e cabalos núos
creban o vidro das ágoas.
Non atopóu o xemido
malencólico de gaita,
non víu o inmenso gaiteiro
coa a boca frolida de alas;
triste Ramón de Sismundi,
veira do Río da Prata,
víu na tarde amortecida
bermello muro de lama.

Canzón de cuna pra Rosalía Castro. Morta [187]

¡Erguete miña amiga
que xa cantan os galos do día!
¡Erguete miña amada
porque o vento muxe, como unha vaca!

Os arados van e vén
dende Santiago a Belén.
Dende Belén [188] a Santiago
un anxo ven en un barco.
Un barco de prata fina
que trai a door de Galicia.
Galicia deitada e queda
transida de tristes [189] herbas.
Herbas que cobren teu leito
e a negra fonte dos teus cabelos.
Cabelos que van ao mar
onde as nubens teñen seu nidio pombal.

¡Erguete miña amiga
que xa cantan os galos do día!
¡Erguete miña amada
porque o vento muxe, como unha vaca!

Romaxe de Nosa Señora da Barca [190]

¡Ai ruada, ruada, ruada
da Virxen pequena
e a súa barca!

A Virxen era pequena
E a súa coroa de prata.
Marelos os catro bois
Que no seu carro a levaban.

Pombas de vidro traguían
A choiva pola montana.
Mortas e mortos de néboa
Polas congostras chegaban.

¡Virxen, deixa a túa cariña
nos doce ollos das vacas
e leva sobre teu manto
as frores da amortallada!

Pola testa de Galicia
Xa ven salaiando a ialba.
A Virxen mira para o mar
Dende a porta da súa casa.

¡Ai ruada, ruada, ruada
da Virxen pequena
e a súa barca!

[187] FGL.
[188] No texto: *Blén*.
[189] No texto: *ristes*.
[190] FGL.

Horacio [191]

Beatus ille, qui procul negotiis
A vida d'o campo

Feliz de quen vive, cal os d'outro tempo
lonxe de barafundas,
e labra os eidos que seu pai labraba
con xugada de seu, libre d'usuras.
...
Ou as vacas e bois desd'o picouto
ve pacer n-a llanura,
ou o mel que espremeu garda n-as olas
ou os rexelos d'o vellon desnuda.
...
E s'hai unha muller que cuida a casa...
...
E lista acude á recadar o gando
retozon de fartura,
para munguir os ubres que as canadas
enchen de leite rebordando espuma.
...
Ver os bois que xunguidos e cansados
de facer a decrua
trân no xugo a rabela pendurada
c'o temon arrastrando pol-a punta.
...
Esto dixo un tal Alfio, un usureiro,
mui resolto á vivir d'agricultura,
y-os cartos recolleu que tiña á logro,
y-ós quince días xa volveu â usura.

Lago González, Manuel

A loita pola Patria [192]

"Véndenme os bois
e véndenme as vacas
i hastra me venden
o pote das papas.
Véndenme a cunca
amáis o cunqueiro
i hastra me venden
o meu tabaqueiro".

Así escramóu un vello que o peso de cen anos
levaba tan afeuto como levan
os carballos dos montes de Galicia
unha croa de polas na cabeza.

Erguéuse ao pé da porta da súa chouza probe,
e miróu cara a vila con máis pena
cal se o verdugo cun puñal de aceiro
lle arrincara do peito as entretelas.

-Por isa costa abaixo
-dixo vertendo a fío tristes bágoas-
vamos levar á vila
a riqueza i o pan das nosas casas.

Alá están os larpeiros
que pouco a pouco todo nos aldraban;
aquí están os escravos
que non poden comer se non traballan.

Alá están os que venden
ista terra bendita e nola aldraxan;
aquí viven os fortes
que saben ir á loita pola Patria.

¡Ai, fillos de Galicia!
erguédevos agora a rescatala;
que non é bo galego,
nin ten o corazón da nosa raza,
quen á súa nai ve presa
en miserable escravitude, e cala!

[191] Tradución de J. García Mosquera (JGM), intitulada *Versión galega da oda de Horacio*. O texto é moito máis longo e só copiamos aquelas estrofas que nos atinxen directamente.
[192] MLG:26-27.

Lama, Xavier

Sen título [193]

Era na Idade das Vacas,
cando o tempo maldito e laureado
medraba con trenzas de cobre
e se enredaba nas fiestras tapiadas
e ouleaba coma un leopardo ferido polo frío
naquelas noites invernais
nas que se revolvían os mortos
nas súas tumbas de mármere
e amourecidas cruces douradas.

Cuestións inocentes [194]

Non sabes o que foi a Idade das Vacas?

Non sabes que eses animais de sangue derrotado foron capaces
de construír unha maternidade secreta dun voluptuoso orgullo?

Non sabes que reinaron durante anos refuxiadas nun sentido
esencialista, modesto, continxente, da existencia?

Non sabes que elas pastorearon durante séculos aos homes
e ás mulleres da miña terra, e que eles, os pastoreados, non se
decataron nunca dese milagre inverso?

Non sabes que as Vacas gardan na súa simbiótica memoria
os segredos mordidos da terra, o fulgor terminal das ruínas,
o perfume apodrecido da peste, o pranto eterno dos cochos
desangrado no sacrificio anual dos amos e dos escravos?

Non sabes que nelas se confunden as idades, as constelacións
reticulares do tempo, e que o seu humillado sosego é unha
estratexia resistencialista para construír unha especular mitoloxía
do martirio?

Ah, pero aínda segues sen saber o que foi a Idade das Vacas?

Lamas Carvajal, Valentín

¡Ey, boy, ey! [195]

Car' â vila de Monforte
camiña Xusto d' Alén,
diante d'un carro de mollos
que vay â feira vender;
os bois turran con traballo
por mais de que os tangue ben
pois van rubindo unha costa,
qu'inda pra rubila â pé,
teñen os homes un pouso
n-os comenzos que facer;

[193] XL:15.
[194] XL:16.
[195] TMP:46,1884,3-5.

e namentres que os bois turran
e renxe o carro, o d'Alén,
berrando de cando en cando
¡ey, boy, ey!
vay axustando as suas contas,
que nunca lle saen ben,
por [196] máis que as bota ô seu xeito
como vandes â saber:
Nantronte ô brincar un balo
estordegóuselle un pé
ô meu fillo mais pequeno;
onte paríume a muller;
estou chamado a xuicio
pra os derradeiros d'o mes;
debo dous anos de renda
ô fidalgo de Sober;
o preito c'o meu compadre
falloumo en contra o xuez;
teño que pagar us piques
d'a botica que levei,
os rédetos de dez pesos
que m'emprestou don Manoel,
o trabuco de consumos,
o d'a sal, e mais non sei
cantas outras picalladas
que me tran á mal traguer;
c'os vinte centos de mollos,
(son vinte, conteinos ben),
que van n-o carro cargados
y- â feira levo á vender,
a dúas pesetas o cento,
oito pesos collerei.
¿E co-estes cartos que fago?
Si cumpro c'o meu deber
y-a pagar empezo... ¡adiós!
vánseme n-un santi amén,
e si co-eles vou mercar
centêo pra nos manter,
vén a xusticia á embargarme...
Válame Dios, ¡qué farei!
¡Ay pol-as que pasa un probe
co-as obrigaciós que ten!
Mais... ¡cala! ¿Paroume o carro?
¡ey, boy, ey!
O fillo maor que tiña,
era bó mozo abofé,
e n-o precural-as terras
axudábame por dez;
aquel fillo, ¡malpocado!
foi ô servicio d'o rey,
e mandárono pr'o Norte
o ano satenta e tres,
cando os calristas en guerra
andaban pra pórnos rey,
como si nós non tivésemos
un xa, que nos chega ben:
n-a promeira aución que tivo
seic'o dia de San Miguel,
n-un que chaman Montexurra
ou monte de Lucifer,
caíu o probe ferido
d'un balazo n-unha sen;
d'alí levárono á Oteiza,
onde o probe foi morrer
n-un hospital esquecido,
como morren os ningués,
e cal si pâis non tivera
que a vida disen por él.
Van pasados nove anos,
día por día, mes por mes,
e inda os ollos se m' engradan,
e inda sinto remexer
non sei que delor n-o espritu,
e n-o corazon non sei
que sentementos extranos,
que me fan, sin eu querer,
dar agarimo á xenreiras
que non son d'homes de ben:
inda ô escoitar os salayos
que a miña infeliz muller
dá sempre que o morto fillo
â memoria se lle vén [197],
salayos, fondos, muy fondos,
e mais amargos qu'a fel,
queixas d-un alma doorida
que outros consolos non ten
máis que pensar n-o seu fillo
e pidir a Dios por él,
dánme, sin sabelo, antoxos
d'unha arrautada facer,
pra me vengar d'os aldraxes
que ôs probes lles fan as leis,
pra castigar eses crimes
que non teñen mais xuez que Dios,
nin outros testigos
que os que en sagredo croel
son d'eles vítimas sempre
e calan hastra morrer.
¡Ay d'os mártires sin nome,
sin coroas de lourel!
¡Ay d'aqueles que non chegan
o esprandor d'a groria á ver!

[196] No texto: *par.*
[197] No texto: *ben.*

¡Ay d'o coitado paxáro
que nin aas nin niño ten!
¡Ay do mísero labrego
que está condanado a sér
un escravo d'o traballo
precurando alleos bès,
pra loitar sempre co-a fame
como non loita ninguen!...
¡Ay pol-as que pasa un probe!
¡Vállame Dios, como ha ser!
Paciencia, moita paciencia,
co-as obrigaciôs que un ten...
¡E volta a parar o carro!
¡ey, boy, ey!
Que somol-os homes libres
vin escrito n-os papés,
que temos iguás dereitos
diante a xusticia y-a ley;
que os ricos son com'os probes
n-o tocantes a valer,
poil-os homes non se xuzgan
pol-as riquezas e bês,
sinon pol-o seu talento
e pol-a sua honradez:
non marra que o que lle poñen
din os xuncras d'os papés,
pol-o demais... ¡vaiche boa!,
todo pol-a contra é,
porque o rico gasta e trunfa,
y-o probe que nada ten
morre n-un currunchо â mioca,
ou adoece de se ver
esquecido pol-o mundo
sin que o aloumiñe ninguen.
Ponse un ladrón de lanvita,
e criminal como é,
alcontra quen-o agasalle,
quen lle fale con pracer,
e téñeno por fidalgo
e chámanlle de vosté;
mais, vay un labrego â vila
co-a chaqueta d'o rivés,
pol-a mor de conservala
porque outra millor non ten,
e non dispon de diñeiro
pra mandar outra facer,
pois o traballo non loce
e gracias a que o mantén,
y-os pequerrechos d'a escola
corren berrando tras d'él,
y- apúpano com'un lobo,
e non podéndoo morder,
póñense os cas a ladrarlle
co-a maor desfachatez,
cal si os cadelos soupesen
que n-o mundo ô que non ten,
hay que tratalo â baqueta
y-aldraxalo sin temer.
¡Ave María de gracia
o que âs mentes se me vén! [198]
¡Que cousas un pensa âs veces!...
¡Meigas fora! ¡San Andrés!
E co-estas melanconías
estraído e sin saber,
¡nin qué me vise unha fada...
paroume o carro outra vez!
¡Tó, marelo! ¡Anda, Xuvenca [199]!
¡ey, boy, ey!
Estou xa presto d'a vila,
renxe o carro e renxe ben,
turran os bois canto poden
e muy logo chegarey;
vou darlle enxabón ôs éixes
pra que deixen de renxer,
porque sinon, Xusto, pagas,
a multa que puxo a ley,
e non estás pra soltare
os cartiños que non tês:
vou untar o carro eixiña
porque a vila xa se ve [200];
virán logo eses miñatos
que o que un tray veñen á ver,
e pidiranme o trabuco
y-as cadelas soltarei:
paguemos o de xusticia
que non é pouco facer;
mais, ollo ¡Xusto! e ten tino
que non ch'esbaren os pés;
entra c'o teu carro untado,
que non-o sintan renxer,
á modiño, caladiño.
¡Xo, marelo! ¡Xacabey!
Teñen enxabón os eixes,
roda o carro e roda ben,
roda n-as lousas d'as ruas
e sin barullo meter:
botarme multas non poden,
pois fago o que manda a ley,
tan sabida, que non deixa
ôs labregos remexer.

[198] No texto: *ben.*
[199] No texto: *xubenca.*
[200] No texto: *xa se vé.*

Camiño d'a feira voume,
d'os promeiros chegarei,
dareille ás benditas ánemas
dous cartos si vendo ben,
e si cerro axiña o trato
doulle un máis e xa son tres.
¡Ay pol-as que pasa un probe
co-as obrigaciôs que ten!

¡Como a cabeza traballa
pra xuntar pra se manter!
Estou n-o campo d'a feira.
¡Gracias á Dios que cheguei!
Agora non para o carro;
maus ô nagocio, a vender.
¿Quen merca un carro de mollos?
¡Ey, boy, ey!

Losada, Benito

Os bolos [201]

Onte á noite [202], a Xan Limeses
levoulle Rosiña Veiga
dous boliños de manteiga
fresca, e enriba unhas fresas
"Adimiro que poideses
facelos con tal primor;
- Dixo, en canto os veu, Melchor-
mais non che sei canto dera
pra que se non derretera
a manteiga co-a calor".

Pol-as Pascoas [203]

Regaloulle certo crego
d'ovos unha cesta boa
e un par de queixos da Ulloa,
a seu parente Antón Pego.
Si é certo o que conta a fama
díxolle n-unha esqueliña:
"Os ovos, son cousa miña;
os queixos, da miña ama".

Pepe do Rollo

Nos touros [204]

Certo día foi Cornello
ós touros, e cando ollóu
vir o primeiro, berróu
agarrándose ó [205] Roxelio:
-¡Vaia cornos!
-Non te acores
-respondeulle o seu amigo-,
pois, en verdade, che digo
que inda os hai moito maiores.

Pereira, Aureliano J.

O boy solto... [206]

Contentos y-alegres
e d' a man collidos,
saíron d' a igrexa,
o sermon oido,
Marica d' Abrenze
e Pepe Cabido.
Éla ¡miña xoya!
co' aquel vestido
mesmo parecía
—con respeto ó digo—
a Nosa Señora,
que din, d' o Pompillo.
Co' a sua saya nova
con franxa e con vivo,

[201] BL: 15. No texto: *freses* (sic).
[202] No texto: *Honte a noite.*
[203] BL: 4.
[204] PdR:38.
[205] No texto: *ao.* Axeitámo-la grafía á que o autor usou no segundo verso.
[206] AJP2:31-36.

framante mantelo
d' o pano mais rico;
o dengue de grana
con freco caido;
un pano de seda
de colores vivos,
y-un grand' aderezo,
que din qu' o padriño
lle trougo 'n outrano
con pindientes finos.
Él, feito un bon mozo,
mais qu' é presumido,
c' o seu traxe novo,
con sombreiro fino,
pariauguas terciado,
'n a orella o pitillo,
calquera dixera
qu' era un siñorito.
N o adrio sentado
estaba o creguiño,
envolto 'n a capa
e quentando o bico
ò rayo temprado
d' un sol invernizo.
Ó ver à parexa,
irguéuse o velliño,
marchou caron d' eles
con paso cativo,
e xa frente à moza
—E ¿cómo vai? dixo.
—Moy ben, á Dios gracias,
repricou Canido.
—Xa te vexo forte
e sano, gran pillo.
—Por Dios, señor cura,
¡y-este qué lle fixo?
perguntou a moza
con aire malino.
—Qué fixo! ¿No ó sabes,
cara de feitizo?
Roubarche o corozo,
trastornarche o xuizo,
terte medio louca,
e mais que non digo.
(Está quedo, mozo,
non lle deas billizcos.)
Esto dixo o crego,
porqu' o Pepe, listo,
mentres él falaba,
íbase engordiño
à nena achegando.....
—Pois iba dicindo:
que vai sendo tempo
que teñades tino.
—Seica non ó temos.
—Eu tanto non digo;
mais teño esperencia.
à rapaza estimo:
como o home é fogo
y-a muller é liño,
ven o diaño e sopra.....
A nena, sorrindo,
miróu pra abaixo:
o mozo non dixo
é miña esta boca;
y-o bon d' o creguiño
seguíu pedricando:
—Casouse o Pirico;
o Goros d' Alberto
co' a Sabela ó fizo,
y hastra a Remualda
cazóu ò Caniño.
Conque á ver rapaces
si faceis ó mismo.
Cásovos de balde
y aló pr' o tempiño
ó que Dios vos dea
tamen ó bautizo.
—Señor, Dios ll' ó pague:
e dándolle un bico
'n a man engurrada,
él y ela saíron
e cara á unha chousa
fóronse á pasiño.
Eu non sei que cousas
Pepe iba dicindo
que non creía ela,
y-o mozo ladino
xuraba e xuraba
qu' ó dito era ó dito.
Namentres, o crego,
rascando o couquizo,
dixo pol-o baixo:
—Paréceme un pillo!....
Pasaron us meses,
non ano cumprido:
Marica d' Abrenze
xa non é o encantiño
d' os mozos d' a rua.
O novo vestido
que á Nosa Señora
lle daba un airiño
'n o fondo d' a ucha
c' o dengue metido.
Perderon o fogo
seus negros olliños,
non teñen coores
os queixelos lindos.
¿Qué tén, qué lle pasa?
Eu non sei dicilo.
Soilo me contaron
algunhos qu' oiron

qu' en cas d' a Marica
choraba un neniño.
Y o Pepe? Tan guapo,
famoso e garrido.
Antonte 'n a feira
estuvo comigo,
e cando falamos,
com' era sabido,
d' aquel casamento,
él torcéu o bico;
tirando o cigarro
con sorna me dixo:
O meu casamento!
¡estás 'n o xuizo!
¡O boy qu' está solto
anda ben lambido!

Pereira, Aureliano X.

Cousas de vellos [207]

... ...
Esto o tío Xan d'o Penedo
dixo á tía Pepa de Parga,
unha tardiña d'outono
Despois afalando as vacas,
botouse pol-a vereda
levando diante a xugada
e dicindo dispaciño:
- Xa che vai a conta larga!...
¡Si m'acordo d'unha noite,
cando aló n-a carballada
lle din o pirmeiro bico!...
¡Ou, marela, condanada!...

Pérez Ballesteros, José

¡Bo lagarto! [208]

-N-é boi nin vaca, has de ver;
¡que é faco, o animal!, Gaspar. [209]
-Pero ¿ven, ou non á têr
cornos? ¡logo has confesar
que faco non pode ser!
-Non che quero repricar;
pois cómpreme non perder
a libertá de pensar.

Pintos Villar, Xoán Manuel

Soneto[210]

Ou Galicia, Galicia, boi de palla
Canta lástima ten de tí o Gaiteiro!
O aguillón que che meten è de aceiro
E con él muita forza te asoballa.
No lombo teu zorrega, bate e malla
Fasta o mais monicreque ferrancheiro,
E calesquer podenco forasteiro
Te vafa de vergonza sin migalla!
Agarima alleeira eses ingratos
Ou víboras que postas ó teu peito
Co ferrete che rompen mil buratos!
Si o sangre teu refugas do teu leito
Malas novas madrasta de insensatos
Dos fillos teus ò amor non tès direito.

Porto Rey, F.

Vida adiante [211]

Pol-a longa corredoira lamuguenta e pedragosa
d'un vivir cheo de fames, de risadas e atafegos,
dous bois cegos,

[207] Fragmento dunha poesía de A.X. Pereira (AXP: 3).
[208] JPB2:100.
[209] No texto: *fáco*.
[210] XMPV: 23.
[211] FPR:85-86.

con traballo, costa arriba, pouco a pouco van turrando
por un carro que camiña con cachaza garimosa
vida adiarte, sempre andando,... sempre andando

Vai o carro acugulado
de rapazas e rapaces pequeniños e algareiros
que en debesas e searas, en valgadas y- en outeiros
seus risares
van deixando coma un longo eco enmeigado
de cantares
de lodolas [212], de seríns e de xilgueiros.

Con seus zocos d'ameneiro, sin cansarse nin renderse,
n'os petoutos troupelea
un exército de mozos e de vellos qua arrodea
aquel carro milagreiro
que camiña paseniño; vida adiante e sin deterse,
pol-a longa corredoira lamuguenta e ensombrecida,
cachazudo e cantareiro
coma en busca d'unha terra ventureira e pormetida.

D'antre aquela multitude, xa a chorar ou rir adoita,
cal un home n-as rodeiras, que a vellez venceu na loita,
e a cada hora
o seu corpo, no camiño, mais atrás se vai quedando
i ulvidando,
pois n'o exército do mundo, seu layar ninguén escoita
mais que a vella compañeira que por él decote chora,
sin deterse: vida adiante; sempre andando.. sempre andando

Cai un mozo malferido por un tallo do fouciño
da disgracia treizoante,
e os seus berros queixumosos
chora a moza compañeira y'esbagulla un picariño
que aquel mozo, foi a un tempo, pai querido e tenro amante,
pro do frido camiñante
nas lontanzas da congostra van perdéndose seus osos
com'as follas que a enxurrada, nos outonos tempestosos
leva a tombos pr'afundilas no sarcófago do Atlante
sin que haxa man que as liberte do incremante remoiño.
¡E tan longo aquel camiño,
que van todos sin deterse; vida adiante... vida adiante!

Cai un neno, e... ¡malpocado!; coma seca e murcha rosa
antes d'abrir, desprendida da roseira en que foi nada;
queda antre a lama guindada
na corredoira lixosa
sin que d'ela se decaten os viaxeiros da Eternía,
que a roseira frolecente, non xamáis se desfrolara,
nin seu vizor perdería
nin por unha, nin millenta rosas menos
y-anque eisí tal vez non fora, ¿quén oucira o que chorara

[212] *Lódola* é a cotovía.

c'abrouxante rechouchía
de risas de tantos nenos?

Os bois cegos son o tempo, y-o seu paso asosegado,
cachazudo e poufeiriño, [213]
nunca o carro está parado n'aquel longo e mal camiño
mais tampouco, pr'os viaxeiros, nunca istá o camiño andado
E entramentres van quedando
un tras outros, na congostra ensombrecida,
vai o exército da xente cheo d'ánseas e abafante
sempre andando
coma en busca d'unha terra ventureira e pormetida
vida adiante... vida adiante.

Prado *Lameiro*, Javier

Axexando [214]

Estaba gardando as vacas
na tapada da Naveira
Sabeliña do Picouto,
a mais feiticeira nena
que ollos de persoa nacida
viron en terras de Cea.
Unha aldomenanta pulga
-hai bechos de sorte meiga-
andaba bica que bica
-pois n-é de crer que a mordera-
pol-o marbre amorosiño
da mociña coxeguenta
que, raña aiquí, raña alí,
estábaas pasando negras.
Xa cansa, tras d'un valado
y-ô abrigo d'unha silveira,
foise, y-ollando arredor
por se alguén poidera vela,
púxose a moza â percura
da pulga, que, sendo mestra,
sempre fuguía pra enriba,
porque xa por esperencia
sabía que na centura
tiña boa escondedela.
¡Os traballiños que a moza
pasou ninguén os creéra;
tan pronto a sintía diante
como xurdía na traseira
sin que a sua mau consiguira
pousarse derriba d'ela.
Xa se enrabechaba a probe,
y-o enrabecharse, a prudencia
que no comenzo gardara
como se alguén elí houbera,
trocouse en erguer de faldras
y-en desatado de trenzas
y-en mostra do que a coitada
xamáis amostrar quixera;
e cando con máis carraxe
s'atopaba na faena,
Xaniño de Viduedo,
saindo d'antre unhas xéstas,
díxolle, moi melosiño:
¿Eu axúdoche, Sabela?

Rodríguez González, Eladio

O carro labrego [215]

¡Meu carriño rexedor!
¡Meu carro traballador,
que andas polas corredoiras
cantando a máis e mellor
coas rinchadeiras tritoirías,
sen sentir pena nin dolor!
Mais non entres na cidade,
pois se te senten cantar
xa non te deixan pasar
no nome da autoridade

[213] *Poufeiro*: "Cachazudo, pesadote, que todo lo hace con desesperante pachorra" (ERG).
[214] PL7: 109.
[215] ERG4:96-97. Véxase o poema *Meu carriño* de Ramón Cabanillas. ERG di que o fixo 'ó xeito de Cabanillas'.

E non te vaias rogar…
¡que xa te virán buscar
por propia necesidade!

Cóidate de camiñar
por onde queira que sexa
co teu calmosiño andar.
E non te deixes levar
para a cidade pola verea…
¡Que non te quiten da aldea
se te non queren matar!

Os novos mártires [216]

Tal como van os bois para o matadoiro,
atados co adival para que non fuxan,
así levan uns homes a outros homes
a matar e morrer.
¡Que iniquidades
se fan agora en nome do progreso!
A norma da xustiza non existe,
porque a moral dos pobos tal se puxo,
que parece que a terra é un manicomio.
A humanidade toleou.

¡Meus marelos! [217]

Entramentres,... paseniño... paseniño...
van turrando pol-o carro os bois marelos,
o calmoso e cachazudo
carreteiro,
coa aguillada posta ô lombo,
vai cantando un ailelelo:
i-ailelelo da montaña, longo e triste
com'as notas dun lamento,
que perdéndose, ... perdéndose, alá ô lonxe
esmorece en vaguedades de aloumiños preguiceiros.

Renxe o carro coa monótona canturria
que abouxante sai dos eixos,
pra estenderse rechinando pol-as touzas i-os outeiros,
como cántiga algareira de traballo
que dá vida ô agro céltigo.

Vai talmente acugulado. Tanto estrume
leva enriba dos chedeiros,
que lle cobre os estadullos dende
abaixo das dentoiras.
E por eso,
turra, ... turra, ...
van os probes dos marelos,
pè tras pè, tan resinados,
tan tranquilos, tan homildes, tan zoupeiros,
que parecen a pacencia
i-asomellan o silencio.
Sempre mansos e calados e calmosos,
como pais dos asosegos,
son decote os pachorrudos pousafoles
que pr'as labras máis se buscan xa de vello,
porque diante dos arados
son sin dúbida os millores axudantes dos labregos.

Son escravos sometidos sin protesta.
Como o chau onde naceron,
non se doen, nin se laian, nin se apuran,
porque foron sempre o mesmo.
Como as xentes das aldeas d'esta terra,
teñen condición de servos.
Non se queixan si padecen. Sofren, calan,
e inda que se vexan ceibos,
ou non queren ou non saben redimirse.
Non hai para eles alegría nin romedio.

Coa tristeza por compaña,
¡son os probes tan pacíficos, tan quedos!...
Os seus ollos supricantes, de tranquila mansedume,
parpadexan amostrando sempre un deixo
de infinidos amargores
e de grandes sofrimentos:
Amargores sin bagullas, sofrimentos
sin laídos

[216] ERG4:108.

[217] ERG2: 27-28. A revista bonaerense *Eufonía* (2,1959,29) publicou unha versión deste poema que data a súa composición no ano 1893 e que no verso 16, no canto de *agro céltigo,* di *chau galego,* ademais doutras menores diferenzas.

mal sen término
que os acora sin delores
para deixalos aparvados, e mansiños, e tardeiros...

¡Sabe Dios cánto eles choran, si é que poden chorar bágoas!...
¡Sabe Dios qué cousas din pr'os seus adentros!...
¡Meus queridos bois da terra!...
¡Meus marelos!...

Salgado y López-Quiroga, F.

Parrafeo montañés [218]

Iba Marica co-as vacas
unha [219] tarde de Marzal,
y-ó qu'a contempraba
sin deixál-a de mirar
díxoll'así: Mariquiña,
¡ay, s'eu poidera trocar
pol-a d'as vacas a sorte,
tíñasme tí que coidar!
...

San Luís Romero, Xesús


A Xan Labrego [220]

Traballando a cotio com'a besta,
Por gobernos ruins espelexado,
De caciques muxido, y-estruxado
Pol'o mouro ousureiro que di empresta;
Com'o burro que carga e non portesta,
Com'o boi que turrando vai do arado,
Eisi ti, vas levando, ¡meu coitado!
A cruz âs costas sen erguel'a testa.
Esperta, Xan Labrego do teu sono
X'abonda d'homildade e mansedume;
¡Esmendrell'as cadeas- ¡trepa ô cume
Do benestar social!... ¿ainda tés dono?
¡¡Erguete d'unha ves, que xa se fono
Os tempos d'a feudale servidume!!...

[218] Fragmento dun "Parrafeo montañés", de FSLQ3:266-267.
[219] No texto: *una.*
[220] XSR:47. O poema está datado en Compostela, no mes de San Martiño de 1918.

Capítulo 17. FONTES DESTA MONOGRAFÍA

Capítulo 17. FONTES DESTA MONOGRAFÍA



Distribución xeográfica da información contida nesta monografía. Mapa elaborado polo SITGA.

17.1. O noso sistema de siglas

2.411 siglas axudan a localizar de onde procede cada información. Sobre a procedencia desta información véxase o que dixemos en 1.7.1. O noso sistema de identificación dos informantes adxudica unha sigla a cada lugar (se é unha información localizada xeograficamente) ou a cada informante (se non localiza a información nun lugar concreto). As informacións proceden de fontes orais ou escritas, publicadas ou inéditas. No formato electrónico pódense consultar estas mesmas fontes ordenadas por concellos (17.3.) e por informantes (17.4.)

O número total de informantes, a existencia de varios informantes dun mesmo lugar, a concentración de informantes nun mesmo dato e, tamén, a economía de espazo que impón unha base de datos, obrigáronnos a construír unhas siglas con certas limitacións.

Primeira. As siglas están construídas cun topónimo cando a información que se codifica con esa sigla corresponde a un lugar concreto da xeografía galega (Velle, Ctel., Com. etc. [2]); e, cando a información non ten localización xeográfica concreta, a sigla está construída co nome e apelidos do informante (normalmente unha información escrita) [1]. Son excepcións a esta regra os traballos sobre o carro de Xaquín Lorenzo Fernández (XLF5) e Manuel González González (MGG) por cousa da gran cantidade de localizacións que os dous investigadores acumulan nun mesmo dato e que farían impracticable outro sistema.

Segunda. Inicialmente as siglas só tiñan tres caracteres pero, segundo as nosas fontes de información ían medrando en número, chegamos a ter varios informantes dun mesmo concello, co que houbo que distinguilos cun cuarto díxito numérico que as diferenciase. E posteriormente foron aparecendo outras coincidencias co que chegamos a ter siglas de sete caracteres. Hai algunhas excepcións provocadas pola aparición de varios informantes dun mesmo lugar [3] e outras referidas a eses admirables traballos *Frampas*, *Frampas II* e *Frampas III* de Elixio Rivas Quintas [4] e mailo *Glosario de Voces Galegas de Hoxe* de Constantino García[5].

Terceira. Anónimos e pseudónimos constitúen outro problema para as siglas. Temos, en primeiro lugar, informantes anónimos que recollen certas fontes (coma tal Vázquez Saco): estes identificámolos coa sigla do colector. Hai outros, coma Coruña3 ou Mundil, que identificamos coa sigla do lugar onde se recolle a información. Hai outros que son publicacións sen nome de autor, coma MV ou VIÑO. Temos finalmente vintenove textos sen sinatura que proceden de publicacións periódicas coma *O Tio Marcos d'a Portela, A Monteira, Almanaque Gallego, O Tío Pepe*: estes identificámolos como AN seguido dun número correlativo. Nalgúns casos, unha edición posterior permitiu descubrir que eran de autor coñecido: tal é o caso dos relatos

---

[1] Lamentablemente no inicio deste traballo tomámo-la opción equivocada de crea-la sigla coa inicial do nome e apelidos (VR: Vicente Risco) non cos apelidos e nome (sería RV: Risco, Vicente). Iso significa que a alfabetización das siglas non se corresponde coa alfabetización dos apelidos. Pero, cando advertímo-lo problema desta opción, era xa tarde de máis para refacer todo o sistema de siglas e sobre todo para revisar tódalas citas. Só nalgúns casos a sigla corresponde ós apelidos (PA: Pereda Álvarez). Outro caso que non responde a aquel criterio inicial é o representado por siglas que recollen o tìtulo da obra (DRAG, VCN, VIÑO, VMA ou XER. Por todo iso ofrecemos en 17.4. a relación de informantes ordenados por apelidos (no formato electrónico).

[2] Cando a sigla corresponde a un lugar, ordinariamente tómase como referencia a parroquia, numerando consecutivamente os distintos informantes de cada parroquia. Excepcionalmente a sigla remite a un lugar (non á parroquia), coma tal, no caso de Esc., Fontefiz, Grixó, Loures., Pnovo ou San.; ou a un concello, como no caso de Mondo1, Mora(n), Mos(n), Santi. ou Vil1.

[3] Recoñecemos que é un pouco incoherente que no estadio final aparezan siglas opacas coma *Cur.*, que significa "Curtis", sendo que acabamos tendo moitas outras localizacións tan longas coma esa palabra (*Abadín, Ancares* ou *Noalla,* por exemplo), que corresponden a fontes que se incorporaron máis tarde, cando xa decidiramos amplia-lo número de caracteres dedicados a cada sigla. Esperamos que se comprenda a enorme dificultade de cambia-la información que xa está contida no interior dun campo dunha base de datos, sendo que o resultado final non ofrecería unha operatividade substancialmente mellor; e que, en consecuencia, decidísemos deixalo así. A desigualdade do número de caracteres das nosas siglas é en definitiva un indicio marxinal da longa duración deste traballo. Os múltiples cadernos dos fondos do ILG presentan ás veces informacións recollidas no mesmo concello por dous colectores distintos. Nestes casos o ILG distíngueos cunha sigla numeral. Así *Piñor1* e *Piñor2*, *Estrada1* e *Estrada2*, *Teo1* e *Teo2*, *Valladares1* e *Valladares2*, *Abegondo1* e *Abegondo2*, *Laracha1* e *Laracha2, Lousame1* e *Lousame2* etc. A refundición que nós manexamos por veces non especifica se é un ou outro. Neses casos nós atribuímoslla ó que figura co número 1.

[4] Debemos advertir que no segundo libro aparecen localizacións que xa tiñamos anotadas do primeiro. Cando unha localización se repite no segundo, considerámola a mesma localización e por iso, nese caso, non especificamos se é *Frampas* ou *Frampas II.* O *Frampas III* extraémolo da edición incluída no *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina.

[5] Nalgúns casos citamos voces que el non cita en SComba, Caa., Cur., Dum., Ced., Gui., Mon. etc. Este feito explícase en que nós recollemos informacións tanto do *Glosario* como das teses e tesiñas de doutoramento dos mesmos informantes que se gardan no arquivo do ILG e que, posiblemente, C. García escolmou. Nalgúns destes casos a reelaboración do traballo de curso como tese de licenciatura enmendou algúns erros: así o informante de Razo dicía no seu primeiro traballo claramente *atontinar* ("Tantear la vaca donde posar el pie por tenerlo dolorido"). A nós parécenos raro, pero vemos que no traballo posterior que serviu para a elaboración do *Glosario* xa di *atoutiñar.* O importante para o noso caso é que, como o lugar de recolleita e o colector é o mesmo, identificámolas localizacións cunha única sigla.

e versos de Xavier Prado 'Lameiro', inicialmente publicados n' *O Tio Marcos d'a Portela* como anónimos: neste caso aquí levan a sigla P[rado] L[ameiro]. Verbo dos pseudónimos hai dous casos: os que xa están descifrados polos especialistas e que desenvolvemos, coma tal, XF (*Xan Fouciño*: Xosé Ramón e Fernández-Oxea), ASI (*Asieumedre*: Manuel Lugrís Freire) [6]; e, por último, os que non están aínda descifrados: estes figuran tal como aparecen (*Xan da Cuada* ou *Aleixos* ou *Pepe do Pendello*) [7].

Cuarta. Damos conta de que concello procede a información (e, se é posible, a parroquia e mesmo o lugar). Cando a información non procede dun concello concreto senón dunha zona máis ampla, indícase precedido dun punto:

- Amaía .Val de Amaía
- Ancares .Terra dos Ancares
- Fiste2 .Fisterra.
- Lemos1 .Terra de Lemos
- Rib. .Terra do Ribeiro

Tamén neste caso facemos algunha excepción (Raiaseca, TCha).

Quinta. Hai, como é lóxico, informacións procedentes das zonas de Asturias, León e Zamora que falan o galego. En total son 43, ás que lles hai que sumar as daqueles autores que se refiren a comarcas enteiras coma *O Bierzo* e similares, como é o caso de *VGR* (Verardo García Rey). Tratándose das procedentes do arquivo do ILG, agrupámolas baixo a sigla *GExt*., que quere dicir *Galicia exterior*, mais, se proceden deses mesmos territorios pero doutras fontes de información, teñen outra sigla identificativa distinta.

Sexta. Para gañarmos espazo, o ano no que se recolleu cada información aparece unicamente no catálogo de fontes que pode consultarse na epígrafe seguinte [8].

Sétima. A aparición de volumes de obras completas nos tempos recentes afectou a un dos máis significados informantes, Constantino García González: no ano 2003 o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades de Santiago de Compostela publicou *O libro das palabras (Obra xornalística completa)* no que, como o seu título di, están reunidos e con índices unificados tódolos seus libros anteriores e mesmo material que só vira a luz na prensa diaria pero non como libro (CGG2) [9]. Como esperamos que no futuro vai ser difícil encontra-las primeiras edicións e probablemente se vai manexar máis este volume unificador, decidimos modificar tódalas nosas citas para dar como referencia as páxinas desta edición global. O mesmo acabamos facendo coas obras completas de Castelao, editadas entre 1999 e 2000 por Galaxia (ver CAS1).

---

[6] Nalgúns casos o propio autor usou as dúas denominacións (Manoel García Barros, *Ken Keirades*).

[7] Filgueira Valverde, na introdución que escribiu para o facsímile d'*O Tio Marcos d'a Portela*, contempla a posibilidade de que moitos destes *anónimos* sexan en realidade obra de Lamas Carvajal: *Moitas colaboracións de* ***O Tio Marcos****, sobre todo nos primeiros tempos e nas que foron presentadas coma cartas dirixidas a el, ían firmadas con nomes que son heterónimos de Lamas e quizais, por veces, doutros compañeiros. Abondan, como é lóxico, as voces de indeterminación: Xan (do Palleiro, de Pitelos, de Bentraces, da Touza, do Outeiro, Peranzules, Sobreira ...) e Farruco (de Campañó, do Portal, Reboredo, das Viñas, de Conxo, Teixido...). O número e a variedade revelan a habelencia para manexar unha onomástica enxebrista na que os paisanos poideran verse representados: Mauro do Pereiro, Berto das Madureiras, Patricio Portaleiro de Vializ, Antonio de Agrolanzas, Pepe do Pendello, Pepe da Xesta, Xulián Castela, Bértola, Tambo, Nicolao e Perfecto das Mariñas, Chirlo de Santa Euxea, Bras de Campos, Goriño das Barroncas, P. Caselle, Anxel de Conxo, Fabricio Reboredo, O Rosaleiro, Un de Seixalbo...*

[8] É sabido que o normal sería citar, coma tal (PA 1953:25) pero, para non consumirmos espazo innecesario, optamos por citar simplemente (**PA**), se se trata dun libro con informacións alfabetizadas; e, se a información é difícil de localizar na publicación da que se trata, indicamos tamén a páxina (**PA:25**). O lector encontrará na epígrafe 17.2., baixo a epígrafe **PA,** a correspondencia completa: PEREDA ÁLVAREZ, José María (1953): "Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega" en *Douro-Litoral* (Porto), 5ª série, VII-VIII; 19-52.

[9] Esta obra reúne nun único volume tódolos libros anteriormente publicados polo autor: *Recantos da lingua 1982* (La Voz de Galicia, La Coruña 1983)*, Follas da lingua* (La Voz de Galicia, La Coruña 1987)*, Retrincos da lingua* (La Voz de Galicia, La Coruña 1988), *Cousas da lingua 1989* (La Voz de Galicia, La Coruña 1990), *Cartafol da lingua* (La Voz de Galicia, La Coruña 1990), *Peneirando palabras* (La Voz de Galicia, La Coruña 1991), *Tesouros da lingua* (La Voz de Galicia, La Coruña 1993), *Glosas da lingua* (Xerais, Vigo 1996) e *Fiestra da lingua* e *Matinando na lingua*.

17.2. Relación de fontes

AA ÁLVARO AFONSO (1434-2005): *Libro de notas de Álvaro Afonso: Ourense, 1434.* Edición de Anselmo López Carreira. Consello da Cultura Galega, Sección de Patrimonio Histórico, Santiago de Compostela.

AAN ÁLVAREZ NOVOA, A. (1927): "A fonte de Ana Manana" en *Nós* 39, 15.03.1927, 15-16.

AB BRAÑAS, A. (1890): "A víspora de San Xuan" n'*A Monteira* 24, 15.03.1890, 188-189; 25, 22.03.1890, 196-197; 28, 12.04.1890, 220-221; 29, 19.04.1890, 229-230.

ABA BALSA ARGUDÍN, Antonio (1926): "Báscula en las ferias y mataderos. Enseñanzas. mejoras e influencia que han ejercido en la ganadería de cada comarca" en *Memorias premiadas en el Concurso de 1925.* Colegio Oficial de Veterinarios, La Coruña.

Abadín Abadín (LU). VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Isabel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Abadín2 Abadín (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Abadín3 Abadín (LU). Requeixo, Armando (1995).

Abadín4 Abadín (LU). CARNERO VÁZQUEZ, Mª O. e outros (2004): *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín.* Museo Provincial de Lugo, Lugo.

Abe. Vilar, Abelleira, Muros (C). LESTÓN TAJES, Xosefina (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Abe2 Abelleira, Muros (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Abele. Casasoá, Abeledo, Xunqueira de Ambía (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Abelen. Abelendo, Porqueira (OU). PENÍN RODRÍGUEZ, Dorinda (2008): "Frases feitas de San Lourenzo de Abelendo" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 2008, 255-264.

ABF BLANCO FREIJEIRO, Antonio (1984): "El buey Apis en Iria Flavia (Padrón, La Coruña)" en *Gallaecia* VII-VIII, 1984, 261-267.

ABR BLANCO RODRÍGUEZ, Antonio (2003): "A festa do Boi na historia de Allariz" en A.C. FUNDACIÓN XAN DE ARZÚA (2003): *Festa do Boi en Allariz desde 1317*. Ourense. Difusora de Letras, Artes e Ideas;13-32.

AC COMESAÑA, Antón (1935): "O símbolo dos camiños" en *Alalá. Arte, Letras* maio 1935, 20.

ACas CASTILLO, Antonio (1926): "La Báscula en la feria de Sedes. Enseñanzas, mejoras e influencia que ha ejercido en la ganadería de la comarca" en *Memorias premiadas en el Concurso de 1925.* Colegio Oficial de Veterinarios, La Coruña.

ACC CARVALHO COSTA, A. de (1981-1982): *Gente de Portugal. Sua linguagem-seus costumes.* Volume I, tomos I e II. Assembleia Distrital de Portalegre.

Acevo Pena de Cabras, Acevo, Ribeira de Piquín (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela. Aníbal Otero considera que Pena de Cabras, parroquia de Acebo (sic) é do concello da Fonsagrada. Hoxe no Nomenclátor figura como parroquia de Ribeira de Piquín.

ACF COUCEIRO FREIXOMIL, Antonio (1928): "Novos Cantares" en *Nós* 50, 1928, 28.

ACoF CORREA FERNÁNDEZ, Antonio (1900): *Historia de fin de siglo. Descripción histórico-geográfica de la provincia de Lugo con las bibliografías de sus habitantes é hijos más notables en el último año del siglo XIX por ...* Tipografía de A. Villamarín, Lugo.

ACRUGA ACRUGA: *Catálogo de sementales. Rubia Gallega.* Acruga, Carne de Rubia Gallega, Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia, sl, sd. www.acruga.com.

ACu CUNQUEIRO, Álvaro (1973-1995): *A cociña galega.* Biblioteca da Cultura Galega 21. Galaxia, Vigo.

ACV1 COTARELO VALLEDOR, A. (1926): "Un vilancico galego no ano 1818" en *Nós* 31, 1926, 8.

ACV2a COTARELO VALLEDOR, A. (1927): "Etimoloxías populares" en *Nós* 48, 15.12.1927, 8.

ACV2b COTARELO VALLEDOR, Armando (1927): "Contos de Nadal" , colleitos por Armando Cotarelo Valledor en *Lar* 39, nadal 1927, 1-39.

ACV3 COTARELO VALLEDOR, Armando (1930-1931): *Cancioneiro da agulla.* Galaxia, Vigo 1984. (Reedición do orixinal publicado en *Nós* 82, 1930, 192-199; 84, 1930, 241-247;85, 1931, 12-18).

AdC CASAS, A. das: *Refraneiro Galego.* Escolleito por A. das C. Nós, Santiago s.d.

AdC2 CASAS, Álvaro de las (1931): "Pra un canzoneiro de Noia" en *Nós* 94, 1931, 192-193; 95, 1931, 215-217.

Adelán Adelán, Alfoz (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*, *Anuario Gallego de Filología*. Universidad de Santiago de Compostela.

ADíaz DÍAZ-CAÑABATE, Antonio (1962): "El nuevo reglamento taurino. Pequeña historia del peto" en *ABC* 5.4.1962.

AdS ADRIANO DE LA SECA (1932): "La Proclamación de Carlos IV" en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 9, 205, 1932, 369-373.

AE EIRÉ, Afonso (2000): *Eu tamén fun coas vacas.* Espiral Maior, A Coruña.

AE2 EIRÉ, A[fonso] (2003): "A moda das vacas rabenas" n'*A Nosa Terra* 1072, 6-12.03.2003; 17.

AER EIRAS ROEL, Antonio (1983): "Concentración y condicionantes geográficos de la ganadería gallega en el siglo XVIII" en *Estudios geográficos* 172-173 (ag.-nov. 1983); 435-468.

AFC FOLGAR CRESTAR, A. (1975): *Historia de Moraña y Tradiciones Gallegas.* Ed. do autor, Pontevedra, 183-185.

AFF1 FRAGUAS Y FRAGUAS, Antonio (1990): *La Galicia insólita. Tradiciones gallegas.* Cuadernos do Seminario de Sargadelos 51. Ed. do Castro, Sada.

AFF2 FRAGUAS FRAGUAS, Antón (1931): "Do Folk-lore de Armeses-Listanco" en *Nós* 96, 1931, 221-227.

AFF3 FRAGUAS, A. (1996): "Entroidos de hai máis de cen anos" n'*O Correo Galego* 25.02.1996.

AFL FONTEBOA LÓPEZ, Alicia (1993): "Literatura de tradición oral no Bierzo". *I Xornada da cultura e da lingua galegas no Bierzo. A tradición oral e a lingua.* 28 de agosto 1993. Vilafranca do Bierzo.

AFM FERNÁNDEZ MAZAS, Armando (1989): *O humorismo gráfico de Fernández Mazas (Dichi).* Ediciones Anduriña, Ourense.

AG-AO (Oviedo). GARCÍA SUÁREZ, Alfredo (1950): "Contribución al léxico del asturiano occidental" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VI/2, 1950, 264-300.

AGA GARCÍA ALÉN, Alfredo (1980): *A alfarería na literatura popular galega. Cantigas, refrans, frases, e modismos, adiviñas, formuliñas dos picaros*. Galaxia, Vigo.

AGC ASOCIACIÓN GALLEGA DE LA CARNE (2003): *Manual de la carne.* Asociación Gallega de la Carne [Santiago de Compostela].

AGG GARCÍA GARCÍA, Antonio (dir.) (1981): *Synodicum Hispanum I. Galicia*. Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid.

Agola. Agolada (PO). LIS QUIBÉN, Víctor (1949): *La Medicina Popular en Galicia.* Madrid (reed. Akal, Madrid 1980).

Agola2 Agolada (PO). Pérez Pérez, Leoncia (1986).

Agola3 Agolada (PO). González Faílde, Carlos (2008).

AGR GARCÍA RAMOS, A. (1912): *Arqueología Jurídico-Consuetudinaria-Económica de la Región Gallega.* Madrid. Facsímile Consello da Cultura Galega. s.d. (1989).

Agro. Campos, Agromaior, Teo (C). SANDE FERNÁNDEZ, M. Mercedes (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Agrón A Ponte Maceira, Agrón, Negreira (C). Moreira Berdullas, Francisco (2000).

AGS GARCÍA SANZ, Ángel (1993): *Plantas medicinales en el Camino de Santiago comunes al hombre y ganado*. Diputación Provincial, Lugo.

AI IGLESIA, A. de la (1886): *El Idioma Gallego. Su antigüedad y vida.* Latorre y Martínez Edts., La Coruña.

AIA IGLESIAS ALVARIÑO, A. (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III (1961).

AIO IGLESIAS OVEJERO, Ángel (1993): "Reunión de pastores, oveja muerta: un refrán y su glosa en el español rural" en *Paremia* 2, 1993, 277-282.

AJP PEREIRA, Aureliano J. (1872-1897-2006): *Escritos sobre Federalismo e galeguismo. Escolma e limiar de Ramón Máiz. Versión galega de Esther Martínez Eiras.* Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Xunta de Galicia. Concello de Lugo. Ver tamén **AXP.**

AJP2 PEREIRA, Aureliano J. (1891): *Cousas d'a aldea.* La Coruña, Andrés Martínez editor**.** Versión electrónica da Biblioteca Virtual Galega. BIVIR http://bvg.udc.es [23.04.2009].

AL LISTE FERNÁNDEZ, Araceli M. (1988): *El besadoiro y su ergología.* Diputación Provincial de Pontevedra.

AL1 LISTE, A. (1989): "'Bozos', 'bitillos', 'taubas' y 'pexas'" en *La Voz de Galicia* 13.05.1989. "La simbología de los 'xugos'" en *La Voz de Galicia* 14.01.1989.

AL2 LISTE FERNÁNDEZ, Araceli M. (1996): "O Vesadoiro: historia e funcionalidade" en *Tecnoloxía tradicional: dimensión patrimonial e valoración antropolóxica.* Consello da Cultura Galega.

AL3 LISTE FERNÁNDEZ, Araceli M. (1997): "Instrumental agrario" en *Galicia. Antropoloxía XXIV*. Proxecto Galicia, Hércules de Ediciones, A Coruña.

Alais Alais, Castro Caldelas (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

ALC LANDÍN CARRASCO, Amancio (1955): "Cantares marineros gallegos" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 31, 1955, 259-301.

Aldo. Aldosende, Paradela (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

ALE LEIRO LOIS, Adela e outros (1993): *As telleiras (cabaqueiros).* Ir Indo Edicións, Vigo.

Aleixos1 ALEIXOS (1917): "Cartas ó Tio Marcos" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 7.03.1917; 4-5.

Aleixos2 ALEIXOS RUBIDAINAS (1918): "Cartas ó Tio Marcos" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 7.10.1918; 3.

Alence As Cruces, Alence, As Nogais (LU). MACHO-QUEVEDO MUÑOZ, Elvira (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

ALF LÓPEZ FERREIRO, A. (1985): *A tecedeira de Bonaval.* Xerais, Vigo.

ALF2 LÓPEZ FERREIRO, A. (1905): *O niño de pombas.* Tip. Galicia, Santiago.

ALF3 LÓPEZ FERREIRO, A. (1895): *O castelo de Pambre. Leenda do sigro XIV*. Imp. de Alende, Santiago.

Alixo Alixo, O Barco de Valdeorras (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Almo. Almoite, Baños de Molgas (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Alva. Álvare, A Pastoriza (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*, Universidad de Santiago de Compostela.

Alla. Allariz (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Alla2 Allariz (OU). PÉREZ FROIZ, M. Inés (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Alla3 Allariz (OU). Rodríguez Pérez, Xoán Carlos (2000).

Alla4 Paicordeiro, Allariz, Allariz (OU). MEIZOSO SÁNCHEZ, Antonio (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Amandi Amandi, Sober (LU). GAY PÉREZ, M. Tareixa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

AMarL MARTÍNEZ LÓPEZ, Alberte (2000): "Perspectiva histórica da gandería galega: da complementariedade agraria á crise da intensificación láctea" en FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (dir.): *Terra e progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo; 353-381.

AME MARTÍN ESCUDERO, Alfonso (1961): *Cartilla de divulgación sobre la Distomatosis y la Hipodermosis*. Madrid.

AML MORALEJO LASSO, Abelardo (1952-1977): "'FOGIUM LUPALE' y sus actuales derivados gallegos" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* VII/21, 1952;133-137. Reedición en Abelardo Moralejo Lasso (1977):

Toponimia gallega y leonesa. Pico Sacro, Santiago de Compostela; 137-144.

Amei. Ameixeira, Crecente (PO). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Ameixe. Montemaior, Ameixenda, Ames (C). Pazos Balsa, Dolores (2006).

Amoeiro Amoeiro (OU). Ferro Ruibal, Xesús (2000).

AMoSa MONTENEGRO SAAVEDRA, Amador (1927): *Fábulas Galaico-Castellanas.* Imprenta Palacios, Lugo.

AMoSa2 MONTENEGRO SAAVEDRA, Amador (1888): "A gratitú dun fillo" en *Galicia Humorística* 2, 30.7.1888; 64. Reedición en HERMIDA GARCÍA, M. et al. (2007): *Obra narrativa en galego de Amador Montenegro Saavedra.* Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela.

AMP MEIJIDE PARDO, A. (1986): "Las primeras industrias del curtido en Betanzos" en *Untia. Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns* 2, 1986, 27-43.

AMR MURUAIS RODRÍGUEZ, Andrés (1877): "Unha de paus" n'*O Tío Marcos d'a Portela* 25.02.1877; 135.

AMS MARTÍNEZ SALAZAR, A. (1912-1913): "La fauna en la toponimia gallega" en *Boletín da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense* 4, 87, 1912, 225-231; 4, 88, 1913, 249-253.

AMS1 MARTÍNEZ SALAZAR, A. (1889): *El cerco de La Coruña en 1589 y Mayor Fernández Pita. Apuntes y documentos.* Andrés Martínez, editor. La Coruña.

AMS2 MARTÍNEZ SALAZAR, Andrés (1889): "Sobre apertura de mámoas á principios del siglo XVII" en *Boletín de la Real Academia Gallega* IV, 26, 1909, 25-27; IV, 27, 1909, 52-56; IV, 28, 1909, 73-74; IV, 29, 1909; 97-100; IV, 30, 1909, 121-126; IV, 31, 1909, 145-147; V, 32, 1910, 169-170; V, 33, 1910, 193-196; V, 34, 1910, 217-221; V, 35, 1910, 258-261; V, 36, 1910, 265-267.

An-0 ANÓNIMO (1746): *RELACION / DE LAS FESTIVAS DEMONSTRACIONES / con que la M. N. Antigua y L. / CIUDAD DE LUGO, / CABEZA DE PROVINCIA, / Voto en Cortes del Nobilissimo / Reyno de GALICIA. / EXPRESSÓ SUS JÚBILOS / En la Aclamacion Plausible de / N.tro Catholico Monarcha /EL SEÑOR / D. FERNANDO VI. / (QUE DIOS GUARDE) / desde el dia ocho de Octubre de / este presente año de 1746.* / En SANTIAGO: Por BUENAVENTURA AGUAYO, / Impressor de la Santa Iglesia, / en la Rùa-Nova.

An1 ANÓNIMO (1877): "Cousas d'o dia" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 25.02.1877, 136.

An2 ANÓNIMO (1877): "Conto d'Antroido" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 4.03.1877;,137-139.

An3 ANÓNIMO (1877): "Parrafeos d'aldea" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 17.06.1877, 197-198.

An3b ANÓNIMO (1877): "As cousas de Galicia" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 52, 1.07.1877, 208.

An4 ANÓNIMO (1883): "Casos e cousas" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 18.11.1883, 6.

An5 ANÓNIMO (1884): "Cantares d'o Tío Bastiolas" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 12.01.1884, 6-7. No facsímile que manexamos, a palabra *Bastiolas* está escrita á man sobre outro nome, este impreso, que resulta ilexible; obsérvanse igualmente outras correccións manuscritas sobre o texto impreso.

An6 ANÓNIMO (1884): *O Tio Marcos d'a Portela* 3.02.1884, 5.

An6b ANÓNIMO (1884): "Desafío" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 9.03.1884, 4-5.

An7 ANÓNIMO (1885): *O Tio Marcos d'a Portela* 6.09.1885, 7.

An7b ANÓNIMO (1885): "PATREA, FIDES, AMOR" n'*A Gaita Gallega* (A Habana) 8.11.1885, 3.

An8 ANÓNIMO (1885): "De volta d'a feira" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 6.12.1885, 3-4.

An9 ANÓNIMO (1885): "Casos e cousas" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 20.12.1885, 7.

An10 ANÓNIMO (1886): "Parrafeo" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 16.05.1886, 5.

An11 ANÓNIMO (1886): "Casos e cousas" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 30.5.1886, 5-7.

An11a ANÓNIMO (1886): *O Galiciano, Paróla Gallega publicada todol-os días* 1, 8, 15 e 23. Paróla 106, 23.10.1886.

An11b ANÓNIMO (1886): *O Galiciano, Paróla Gallega publicada todol-os días* 1, 8, 15 e 23. Paróla 107, 1.11.1886.

An11c ANÓNIMO (1886): *O Galiciano, Paróla Gallega publicada todol-os días* 1, 8, 15 e 23. Paróla 101, 15.9.1886.

An12 ANÓNIMO (1887): "Casos e cousas" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 3.04.1887, 6-7.

An13 ANÓNIMO (1887): "Casos e cousas" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 8.05.1887, 6.

An13b ANÓNIMO (1887): *Informe sobre las causas de la crisis que atraviesa el ganado vacuno en Galicia y los medios de remediarla.* Sociedad Económica de Amigos del País. Santiago.

An14 ANÓNIMO (1888): "Casos e cousas" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 16.09.1888, 6-7.

An15 ANÓNIMO (1889): O Novo Galiciano. Defensor d'os intreses gallegos 24, 27.01.1889, 21.

An15b ANÓNIMO (1889): "Unha sesión n-un Concello" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 30.06.1889, 3-5.

An16 ANÓNIMO (1889): "Palique" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 22.09.1889, 6.

An16b ANÓNIMO (1890): *A Monteira* 33, 17.05.1890.

An16c ANÓNIMO (1894): "Ben dito" en *1895. Almanaque gallego dirixido por F[arruco] Lage e G[uillermo] Díaz.* A Cruña, Tip. La Unión Gallega; 80. Reedición facsímile do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela 2008.

An17 ANÓNIMO (1909): "Las vacas como barómetro" en *Aires d'a miña terra* 58, 26.06.1909.

An18 ANÓNIMO (1913): *O Tío Pepe* 20, 20.11.1913, 4.

An18b ANÓNIMO (1919): "Cantares" n'*O Tío Marcos d'a Portela* 49, 21.2.1919, 7.

An19 ANÓNIMO (1974): *Xan Labrego. Antoloxía.* Castrelos, Vigo 1974 (Col. O Moucho 37).

An20 ANÓNIMO (1986): *La Santa Cruz de Caravaca.* Edicomunicación, Barcelona.

Anca O Roxal, Anca, Neda (C). BALSEIRO POSE, M. Dores (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Ancares .Terra dos Ancares (LE). GONZÁLEZ REBOREDO, Xosé M. e GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1996): *Sociedade e tecnoloxía tradicionais do val de Ancares.* Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

Ancares2 .Terra dos Ancares (LE). FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, J.R. (1978): *Etnografía del Valle de Ancares. Estudio*

lingüístico según el modelo "Palabras y cosas". Anejo 10 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela 1978.

Ancares3 .Terra dos Ancares (LU). Rancaño Paradela, Gonzalo (1986).

Anda. Andavao, Boimorto (C). Seixas Seoane, Miguel Anxo (2000).

Anllo Anllo, Sober (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego*. Alvarellos, Lugo.

Anseán Anseán, Lalín (PO). SOBRINO SUVERBIOLA, Andrés (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Antas Antas de Ulla (LU). Lajos Guillán, Manuel (1986).

Antas2 Antas de Ulla (LU). Pérez Pérez, Leoncia (1986).

Antas3 Antas de Ulla (LU). VÁZQUEZ PEREIRA, M. Graciela (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Antas4 Antas de Ulla (LU). LAMELA VILLARAVID, Carme (1993): *A literatura popular de tradición oral -cántigas, adiviñas e refráns- no concello lugués de Antas de Ulla*. Inédito.

Antas4b Antas de Ulla (LU). LAMELA VILLARAVID, Carme (1995): *Inventario do Patrimonio etnográfico sobre a literatura popular de tradición oral no concello lucense de Antas de Ulla*. Inédito.

Antas5 Antas de Ulla (LU). Sánchez, Ramón (1998).

Antas6 Antas de Ulla (LU). Gómez Frade, Amparo (1998).

ANV1 NORIEGA VARELA, Antón (1928): *Como falan os brañegos*. Nós, A Cruña.

ANV2 NORIEGA VARELA, A. (1920): "Reportorio de refrás pra todol-os meses do ano" en *Nós* 3, 1920, 16-18.

ANV3 NORIEGA VARELA, A. (1993): "A segunda serie de 'Como falan os brañegos' de Antonio Noriega Varela" en *Cadernos de lingua* 7, 1993, 93-98. Real Academia Galega (Edición de Armando Requeijo).

ANV4 NORIEGA VARELA, A. (1935): "Sabiduría popular" en *Revista del Centro Gallego de Avellaneda* 242, Outubro 1935.

ANV5 NORIEGA VARELA, Antón (1920): "Adeviñanzas" en *Nós* 1, 30.10.1920, 16-17; 2, 30.11.1920, 14-16.

ANV6 NORIEGA VARELA, Antonio (1910): *Montañesas (2ª ed. corregida y aumentada)*. Mondoñedo.

Ánxe. Os Ánxeles, Oroso (C). Maroño Mañá, J.A. (2002).

AO OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario deSan Jorge de Piquín*. Anejo 8 de *Verba, Anuario gallego de filología*. Universidad de Santiago de Compostela. Incluímos nesta sigla as voces atribuíbles a Aníbal Otero que aparecen no apéndice do *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de Eladio Rodríguez e tamén na *Contribución al diccionario gallego*, publicada en Galaxia en 1967.

AO2 OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego*. F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

AP EQUIPO A.P. (ALONSO PIMENTEL, Emilio, Xesús e Sara) (1975): *O clero na literatura popular galega. Cancioneiro e refraneiro*. Akal, Madrid.

APN1 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (1999): *Artistas galegos pintores. Ata o Romanticismo.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN2 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (1998): *Artistas galegos pintores. Novecentos* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN3 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (1997): *Artistas galegos pintores. O Rexionalismo I.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN4 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (1999): *Artistas galegos pintores. Rexiomalismo II.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN5 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (1999): *Artistas galegos pintores. Rexionalismo III.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN6 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (2000): *Artistas galegos pintores Posguerra I: Figuracións.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN7 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (2000): *Artistas galegos pintores. Posguerra. Abstraccións - Figuracións.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN8 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (1998): *Artistas galegos pintores. Vangarda histórica.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN9 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (2001): *Artistas galegos pintores. Realismos – Expresionismos.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN10 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (2001): *Artistas galegos pintores. Realismos.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN11 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (2001): *Artistas galegos pintores. Realismos (2).* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN12 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (2002): *Artistas galegos escultores. Figuracións - Abstraccións.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN13 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (2002): *Artistas galegos escultores. Realismos rexionalistas.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APN14 PULIDO NOVOA, Antón (dir) (2002): *Artistas galegos pintores. Realismos - Abstraccións.* Fotografía Xulio Gil. Nova Galicia Edicións, Vigo.

APP PORTELA PAZ, A. (1947): Ilustracións varias do libro PORTELA PAZ, A. (ed.): *Pontevedra, Boa Vila*. Pontevedra (sen paxinar). Facsímile da Xunta de Galicia, Pontevedra 1985.

AR ALONSO RÍOS, A. (1956): *Da Saudade, Amore, Arte e Misticismo. Relato*. Buenos Aires 1956, 73. Cit. por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós*. Galaxia, Vigo 1976, 339.

Arabe. Arabexo, Val do Dubra (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia*. Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Aranga Seoane, Aranga, Aranga (C). SÁNCHEZ VIGO, M. Antonia (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Aranga2 Aranga (C). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba.* Universidad de Santiago de Compostela.

Arbo Arbo (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Arbo2 Arbo (PO). VÁZQUEZ CUESTA, Mª Pilar (1947):

"Nombres de la coyunda" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III, 1947, 106-110.

ARC RODRIGUEZ COLMENERO, Antonio (1977): *Galicia meridional romana.* Universidad de Deusto, Bilbao.

Arc1 Arcade, Soutomaior (PO). Barreiro, M. (1986).

Arc2 Arcade, Soutomaior (PO). Franco, Xoán (1986).

Arc3 Arcade, Soutomaior (PO). Torres, Xosefa de (1986).

Arc4 Arcade, Soutomaior (PO). Orge, Manuel e Jesús (1986).

Arca Pedrouzo, Arca, O Pino (C). OLIVARES VAQUERO, M. Dores (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Arcos Arcos de Frades, Pol (LU). RIELO CARBALLO, Nicanor (1971): "Vocabulario gallego de Arcos de Frades" en *Compostellanum* CVI, 1971, 303-332.

Ardán Ardán, Marín (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

ARE RODRÍGUEZ ELÍAS, Avelino (1918): "O bó non é caro" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 7.12.1918, 2-3.

Areas Areas, Ponteareas (PO). Pardellas Cortiñas, Adolfo.

Ares Ares (C). FELPETO LAGOA, Matilde (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe. Anejo* 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Ares2 Ares (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia.* Anejo 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces);* Anejo 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Arma. Armariz, Xunqueira de Ambía (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Arma1 Merí, Armariz, Xunqueira de Ambía (OU). Ferro Ruibal, Xesús (2005).

Arme. A Armenteira, Meis (PO). PÉREZ MÉNDEZ, Xosé Serafín (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Arn. Arnuíde, Vilar de Barrio (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

ARR RIGUEIRO RODRÍGUEZ, Antonio e outros (1996): *Guía de plantas medicinais de Galicia.* Galaxia, Vigo.

Arroxo Vilamaior, Arroxo, A Fonsagrada (LU). CALVO LÓPEZ, Manuel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Artes Artes, Carballo (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Arzón Porqueira, Arzón, Negreira (C). ROMARÍS PAIS, M. Dores (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Arzúa Arzúa (C). LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente (1954): *Refraneiro galego.* Fondo de Bibliófilos Gallegos no Museo de Pontevedra. Manuscrito inédito.

Arzúa2 Arzúa (C). RODRÍGUEZ-SOMOZA ZAS, Isabel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Arzúa3 Arzúa (C). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Arzúa4 Arzúa (C). VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Xosé Luís (1973-1974): *A facenda en la zona de Arzúa. Estudio lingüístico.* Curso 1973-1974. Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Arzúa5 Santo Estevo, Arzúa (C). PAZOS BALADO, Mª Carme (2007): "Os nomes das vacas en Santo Estevo" en MÉNDEZ, L. e NAVAZA, G. (eds.) (2007): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega 'Frei Martín Sarmiento'.* Asociación Galega de Onomástica, Real Academia Galega. Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela; 625-630.

Arzúa6 Arzúa (C). González Pérez, Clodio (2000).

Arzúa7 Arzúa (C). Bouza Brey, Fermín. Arquivo da R.A.G. (C171/99).

AS SUÁREZ, Andrés (1982): *A regueifa.* Edicións Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 62).

ASG SANTIAGO Y GADEA, Augusto C. de, (1908): "Ganadería gallega. El concurso de 1908 en La Coruña" en *Galicia* 3, 4, 15.02.1908; 73-75.

ASI1 ASIEUMEDRE (pseudónimo de M. Lugrís Freire) (1907): "Os lobos" n'*A Nosa Terra* 1, 4.08.1907; 3.

ASI2 ASIEUMEDRE (pseudónimo de M. Lugrís Freire) (1918): "Contos d'a terra" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 21.06.1918, 6.

ASI3 ASIEUMEDRE (pseudónimo de M. Lugrís Freire) (1916): "Con polaina e media" n'*A Nosa Terra.* 2, 1916, 2.

Asma Meixide Grande, San Fiz de Asma, Chantada (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

ASO SANTOS OTERO, Aurelio de (1988*): Los Evangelios apócrifos. Colección de textos griegos y latinos, versión crítica, estudios introductorios y comentarios por...* Biblioteca de Autores Cristianos, Madrid.

AT TRIGO, Alfonso (1926): "Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza" en *Nós* 30, 1926, 18.

Atios Atios, O Porriño (PO). Estévez Gómez, Mª Adoración (1986).

ATovar TOVAR, Antonio (1985): "La inscripción del Cabeço das Fráguas y la lengua de los lusitanos" en *Actas del III Coloquio sobre lenguas y culturas paleohispánicas. Lisboa 5-8 noviembre de 1980*. Salamanca. Ediciones Universidad de Salamanca 1985, 227-253. http://descargas.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/01349419700915185646802/028142.pdf?incr=1.

AV-JF VERDE, Alonso e FAJARDO, José (1998): "Usos tradicionales del torvisco" en *Quercus* 144, febrero 1998, 38-39.

AVP1 VILLAR PONTE, A. (1916): "Afirmación flamenquista" na sección 'Con letra del siete' de *La Voz de Galicia* 15.04.1916. Reproducido no libro *100 artigos. Edición conmemorativa.* La Voz de Galicia, A Coruña 2003.

AVP2 VILLAR PONTE, A. (1971): *Pensamento e sementeira.* Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires, Instituto Argentino de Cultura Gallega, 1971, 130-131. Citado por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós.* Galaxia, Vigo 1976, 307.

AXP PEREIRA, A. X. (1889): "Cousas de vellos" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 30.06.1889, 3. Ver tamén **AJP.**

Bable (Oviedo). PÉREZ DE CASTRO, José Luís (1955): "Contribución al Vocabulario del Bable Occidental" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI, 1955, 119-144.

BAC1 APARICIO CASADO, B. (1985): "La leyenda 'do boi de ouro' y el carácter sacral del toro en una zona del noroeste peninsular" en *Estudios* 151, 1985, 471-490.

BAC2 APARICIO CASADO, B. (1989): *Arqueología y antropología cultural de la margen derecha de la Ría de Pontevedra*. Excma. Diputación Provincial de Pontevedra.

BAC3 APARICIO CASADO, B. (1989): *A sociedade campesiña na mitoloxía popular galega.* Biblioteca de Divulgación. Serie Galicia, nº 27. Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela.

Baíñas Padreiro, Baíñas, Vimianzo (C). BALSEIRO POSE, M. Dores (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Baio Baio, Zas (C). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Baiona Baiona (PO). Rancaño Paradela, Gonzalo (1986).

Baiona2 Baiona (PO). VÁZQUEZ CUESTA, Mª Pilar (1947): "Nombres de la coyunda" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III, 1947, 106-110.

Baiona3 Baiona (PO). Barreiro Troncoso, Héctor (1986).

Bale. Baleira (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano III* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo.

Baltar Baltar (OU). ARAGONÉS HERRERO, Víctor Felipe (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Bamio Bamio, Vilagarcia de Arousa (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976.

Bande Bande (OU). RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Galaxia, Vigo I (1958), II (1960), III (1961).

Baña A Baña (C). García Ramos, Daniel (2000).

Baña2 A Baña (C). AGUAYO COBO, Remixio X. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Bar-Co. Barciademera, Covelo (PO). FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Barb. Barbudo, Ponte Caldelas (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Barbos Barbos, Ortigueira (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Barcia A Barcia, Piquín, Ribeira de Piquín (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Barco O Barco de Valdeorras (OU). VÁZQUEZ CUESTA, Mª Pilar (1947): "Nombres de la coyunda" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III, 1947, 106-110.

Bares Bares, Mañón (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Barizo Barizo, Malpica de Bergantiños (C). ROMERO MASIÁ, Ana e POSE MESURA, Xosé M. (1990-1991): "Unha manifestación do entroido en Barizo: o xogo das vacas" en *Boletín Auriense* XX-XXI, 1990-1991, 397-411.

Barre. Barreiros, Sarria (LU). FERNÁNDEZ PUENTES, M. Asunción (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Barredo Barredo, Castroverde (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1967): *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo.

Barro Mane, Barro, Barro (PO) (2009): Ferro Ruibal, María Elda.

Barxa Barxa, A Gudiña (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

Bas. Báscuas, Val do Dubra (C). ACOSTA GARCÍA, M. T (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

BB BARREIRO, Baudilio (1990): *La Coruña 1752 según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada. Introducción Baudilio Barreiro*. Tabapress. Ayuntamiento de La Coruña.

Beariz Beariz, Beariz (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Beariz2 Beariz, Beariz (OU). Cañizo Durán, Leopoldo (2005).

Bece. Becerreá (LU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Bece1 Becerreá (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Bece2 Becerreá (LU). Añón Pombo, Ramón e outros (1980).

Begonte San Pedro de Begonte, Begonte (LU). LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente (1954): *Refraneiro Galego.* Inédito.

Beluso Beluso, Bueu (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Beluso1 Beluso, Bueu (PO). RÍOS PANISSE, Mª Carmen (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Beman. Bemantes, Miño (C). LÓPEZ PLAZA, Manuel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Bembi. Bembibre, Viana do Bolo (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

Ben. Benquerencia, Barreiros (LU). ALONSO RODRÍGUEZ, M. Araceli (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Bergan. Terra de Bergantiños (C). R. Bay, Miguel.

Berres Berres, A Estrada (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Berres2 Berres, A Estrada (PO). Nogueira Pereira, Mª Xesús.

Beta. Betanzos (C). MORENO SOLANA, C. (1955): "Latín 'mulgere'" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI, 1955, 390-395.

Beta2 CRONISTA DE BETANZOS (2003): "Toros en la Plaza Mayor en el siglo XVI" en *Betanzos e a súa comarca*. Junio 2003; 30. http://www.cronistadebetanzos.com/betycom/03-06.html [30/10/2009].

BFA F[ERNÁNDEZ] ALONSO, Benito (1921-1929): "Efemérides para la historia de la Provincia y Obispado de Orense" en *Boletin de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artisticos de Orense* 6, 136, 1921, 267-273; 6, 137, 1921, 291-294; 6, 146, 1922, 473-479; 7, 158, 1924, 215-220; 7, 171, 1926, 464-472; 8, 173, 1927, 42-47; 8, 174, 1927, 67-72; 8, 175, 1927, 92-95; 8, 176, 1927, 114-118; 8, 178, 1928, 145-153; 8, 180, 1928, 207-212; 8, 184, 1929, 320-328; 8, 185, 1929, 336-340.

BIA IGLESIAS ARAÚXO, Bieito (2001): *A vida apoteósica.* Xerais, Vigo.

BIA2 IGLESIAS, Bieito (1999): *O mellor francés de Barcelona.* Galaxia, Vigo.

Bidu. Milladoiro, Biduído, Ames (C). GALLEGO VILLAR, M. Tareixa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Bierzo1 .Bierzo (LE). PONCELAS ABELLA, Aquilino (1993): "Os Contos Populares do Bierzo" en *I Xornada da cultura e da lingua galegas no Bierzo. A tradición oral e a lingua.* 28 de agosto 1993. Vilafranca do Bierzo. Asociación Cultural Escola de Gaitas de Vilafranca do Bierzo, s.d. (¿1993?), 14-21.

Bierzo2 .Bierzo (LE). PONCELAS ABELLA, Aquilino (2004): *Contos e Lendas do Bierzo. Cuentos y Leyendas de El Bierzo.* Instituto de Estudios Bercianos, Ponferrada.

BL LOSADA, Benito (1929): "Contiños" en Suplemento nº 12 de *Nós* 1929.

Blancos Os Blancos (OU). Lorenzo Fidalgo, Agostiño.

Blancos1 Os Blancos (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego*. Alvarellos, Lugo.

BM1 MADARIAGA, Benito (1961): "Arte y tragedia en la fiesta brava" en *Fontibre* 44, 31.8.1961; 7.

BM2 MADARIAGA, Benito (1966): *El toro de lidia. Carta-prólogo de Álvaro Domecq y Díez*. Ediciones Almara, Madrid.

BOE Boletín Oficial del Estado.

Boi. Filgueira, Boimorto, Boimorto (C). FERNÁNDEZ SALMONTE, Xulia (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Bolo O Bolo (OU). VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, M. Xesús (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Bolo2 O Bolo (OU). PRIETO RODRÍGUEZ, Laureano (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Bolo3 O Bolo (OU). RUIZ LEIVAS, Cristovo (2003): "Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003, 371-387.

Borbén Pazos de Borbén (PO). Ocampo Táboas, Juan (1986).

Borobó1 BOROBÓ (1947): "Corrida de delfines" en A. PORTELA PAZ (ed.) (1985): *Pontevedra, boa vila.* Pontevedra (sen paxinar).

Borobó2 BOROBÓ (2003): "A quimérica historia de Xan Quinto. Papeis semanais de Borobó. Proseguimos coa invención do mito de Pepa a Loba". En *Galicia-hoxe.com* Domingo 18 de Maio do 2003.

Borre. Borreiros, Gondomar (PO). GARCÍA PLATA, Sara María (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Boullo. A Boullosa, Vilamaior da Boullosa, Baltar (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Bouzas Bouzas, Vigo (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

BPG PÉREZ GALDÓS, Benito (1923): *Fisonomías sociales*. Renacimiento, Madrid. Interesan sobre todo os capítulos "El circo y el toreo" (132-134) e "La fiesta nacional" (113-119).

BRR RODRÍGUEZ RIBEIRA, B. (1976): "Discurso". Cit. por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós.* Galaxia, Vigo 1976, 181.

Buciños Buciños, Carballedo (LU). ANÓNIMO (1962): Informante anónimo do 'Refraneiro' de Vázquez Saco.

Bueu Meiro, Bueu, Bueu (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego*. Editorial Ceme, Salamanca 1978.

Bueu2 Bueu (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Bueu3 Cela, Bueu (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Buga-A Quistiláns, Bugallido, Ames (C). MUÑOZ SÁNCHEZ-BRUNETE, Xerardo (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Buga-N Vilaserío, Bugallido, Negreira (C). POSE SUÁREZ, M. Tareixa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Burela Burela, Burela (LU). FARRÉ GONZÁLEZ, Ramón (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Burela2 Burela (LU). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Burgo O Burgo, Lugo (LU). PACIOS NÚÑEZ, M. Aurelia Pilar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Burón Burón, A Fonsagrada (LU). GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, M.I. (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Bus-LE Busnadiego, Lucillo (LE). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo 1988.

Busta. Bustavalle, Maceda (OU). GIL SUÁREZ, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Busto Busto (Oviedo). GARCÍA SUÁREZ, Alfredo (1950): "Contribución al léxico del asturiano occidental" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VI/2, 1950, 264-300.

Buxán Buxán, Val do Dubra (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Buxán2 Buxán, Val do Dubra (C). Cornes Iglesias, José (1957).

Caa. San Boulo, Caaveiro, A Capela (C). VILARIÑO SECO, Xosefa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Cab. Cabalar, A Capela (C). DOBARRO PAZ, X.M. (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Cab2 Cabalar, A Capela (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego*. Alvarellos, Lugo.

Cabal. Oleiros, Cabaleiros, Tordoia (C). GALÁN RODRÍGUEZ, Ana María (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Caban. Cabanelas, O Carballiño (OU). CARREIRO GONZÁLEZ, M. Luz (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cachaf. O Cachafeiro, Forcarei (PO). LÓPEZ BARREIRO, Margarita (2006): "Frases feitas do Cachafeiro (Forcarei)" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 2006, 317-327.

Cada. Cadavedo, A Pastoriza (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Cadrón Cadrón, Lalín (PO). FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, M. Amelia (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

CAGM CONSELLERÍA DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES (1991): *La Voz de Galicia* 1991. Campaña de divulgación nos domingos de xaneiro a agosto.

Caión Caión, Mañón (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Cal. Castro Caldelas (OU). DÍAZ CARNERO, Mercedes (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Callo. Callobre, A Estrada (PO). LÓPEZ FERNÁNDEZ, Xesús (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Calo Vilar de Calo, Calo, Teo (C). CASTIÑEIRAS CAMPOS, María D. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Calo2 Calo, Teo (C). Crego Buelo, Marga (2008).

Calvor Perros, Calvor, Sarria (LU). Franco Marzabal, Ovidio (2002).

Cam1 O Allo, A Ponte do Porto, Camariñas (C). Sar Oanes, Ventura (1987).

Cam2 O Allo, A Ponte do Porto, Camariñas (C). Martínez Garrido, Xosé (1987).

Cam3 O Allo, A Ponte do Porto, Camariñas (C). García Suárez, Alfonso (1987).

Cam4 Camariñas (C). REGO GONZÁLEZ, M. Tareixa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cam5 Camariñas (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Cam6 O Allo, A Ponte do Porto, Camariñas (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Camb. Cambados (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Camb1 Cambados (PO). LEIRO LOIS, Adela (dir.) (1986): *Cambados: a tradición oral.* Colexio Público Castrelo, Cambados.

Camb2 Cambados (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Camb3 Cambados (PO) (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III. s.v. 'afolsear'.

Camba Santa Baia de Camba, Rodeiro (PO). MARTUL TOBÍO, Luís (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cambe. Cambela, O Bolo (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

Cambe2 Celeirós, Cambela, O Bolo (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Cambeo Cambeo, Coles (OU). Hermida García, Modesto (2000).

Cang. Cangas (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Cang1 Cangas (PO). GRAÑA VILLAR, Bernardino (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Cang2 Cangas (PO). VIZCAYA MARTÍNEZ, Concepción (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cang3 Cangas (PO). CÓRDOBA SEIJO, Rebeca (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cang4 Cangas (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Cang5 Cangas (PO). RODRÍGUEZ GRAJEÁN, Dolores (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cang6 Cangas (PO). González González, Margarita.

Cang7 Cangas (PO). Benavente Jareño, Pedro (2009).

Cani. Canicouva, Pontevedra (PO). Ocampo Táboas, Juan (1986).

Canizo O Canizo, A Gudiña (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

Cañiza A Cañiza (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Cañiza2 A Cañiza (PO). QUINTÁNS ÁLVAREZ, Celia (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cañiza3 A Cañiza (PO). RODRÍGUEZ TRONCOSO, Manuel (2004): *Historia dunha aldea galega. Coas mans encol do lume.* Ir indo Edicións, Vigo.

Capela. .Terra da Capelada (C). MACIÑEIRA PARDO DE LAMA, Federico (1971): "Literatura popular das terras da Capelada e da Faladora" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 26, 78, 1971, 95-116.

Car. Cariño (C). FERNÁNDEZ REI, Francisco (1974-1985): *Aprosimación á vida e á fala mariñeiras de Cariño.* Tes. de licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela, xulio 1974. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Car2 Cariño (C). FANEGO LEMA, Tareixa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Car3 Cariño (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Car4 Cariño (C). Salgueiro Veiga, Emma (2007).

Carb. Carballo (C). Benavente Jareño, Pedro (1987).

Carb-L Carballedo (LU). RIELO CARBALLO, Nicanor (1976): *Escolma de Carballedo.* Castrelos (Col. Pombal), Vigo.

Carb-L2 Carballedo (LU). RIELO CARBALLO, Nicanor (1972-1975): "Refranero Popular de Carballedo" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXVIII, 1972, 1º-2º, 145-156 (nn.1-199); XXIX, 1973, 1º-2º, 131-153 (nn. 200-689); XXX, 1974, 3º-4º, 429-452 (nn. 690-1.213); XXXI, 1975, 1º-4º, 111-135 (nn. 1.214-1.738). Os díxitos trala clave indican o número do refrán.

Carb-L3 Carballedo (LU). (2000): *La Voz de Galicia* 22.12.2000.

Carb1 Carballo (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Carb2 Carballo (C). GARCÍA SABELL, Domingo (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Carb3 Carballo (C). ANDRADE OLIVIE, Lourdes (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Carb4 Carballo (C). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Carba Carballido, A Fonsagrada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Carba1 Torviso, Carballido, A Fonsagrada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Carbal. O Reino, Carballeda, Piñor (OU). GONZÁLEZ MOURE, Ilda (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

CarbCo Carballedo, Cotobade (PO). BERNÁRDEZ VILLAR, M. Aurora (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Carbia Carbia, Vila de Cruces (PO). IGLESIAS MAREQUE, B.A. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Carde Cardeiro, Boimorto (C). FRAGA LISTE, Susana (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

CARMONA1 CARMONA BADÍA, Joám e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ María Teresa (1997): "Historia e actualidade do patrimonio industrial de Galiza, as fábricas de curtidos de Allariz" en FIDALGO SANTAMARIÑA, Xosé Antón e SIMAL GÁNDARA , Xesús (coords.) *Patrimonio cultural de Galicia e norte de Portugal. Actas do curso de verán da universidade de Vigo, celebrado do 5 ó 8 de xullo de 1995 en Celanova (Ourense) e Santo Tirso (Portugal).* Deputación Provincial de Ourense, Ourense; 63-79.

CARMONA2 CARMONA BADÍA, Xan (2000): "Sobre as orixes da orientación exportadora na producción bovina galega: as exportacións a Inglaterra na segunda metade do século XIX" en FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (dir.) *Terra e progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea.* Edicións Xerais de Galicia, Vigo; 305-352.

CARMONA3 CARMONA BADÍA, Xoán e FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa (2003): *A Compostela industrial: historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago.* Consorcio de Santiago, Santiago de Compostela.

CARMONA4 CARMONA BADÍA, Xoán e NADAL OLLER, Jordi (2005): *El Empeño industrial de Galicia: 250 años de historia (1750-2000).* Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.

Carno. Carnota (C). Ferro Ruibal, Xesús (1987).

Carño1 O Carballiño (OU). Pérez Pérez, Leoncia (1986).

Carño2 O Carballiño (OU). LOIS VAZQUEZ, Xosé (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Carño3 O Carballiño (OU). ANÓNIMO (1962): Informante anónimo do 'Refraneiro' de Vázquez Saco.

Carr-C Carracedo, Caldas de Reis (PO). HERRERO ALONSO, Abelardo (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Carr-G Carracedo da Serra, A Gudiña (OU). ÁLVAREZ SEIJO, M. Xosé (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Carr-G2 Carracedo da Serra, A Gudiña (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

Carr-G3 Carracedo da Serra, A Gudiña (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): Información persoal por carta de 16.12.2004.

Carr-P Reza, Carracedo, A Peroxa (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Carral Carral, Santa Comba, Agolada (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Carril Carril, Vilagarcía de Arousa (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Carte. Pradela, Cartelos, Carballedo (LU). Guerra Otero, Pilar (2003).

Carte1 Trasar de Carballo, Cartelos, Carballedo (LU). González González, Manuel.

Carte2 Vilaguillulfe, Cartelos, Carballedo (LU). Benigno. Os Parentes. http://www.empresas.mundo-r.com/op/ [11.09.2007].

Carte3 Cartelos, Carballedo (LU). Os Parentes. http://www.empresas.mundo-r.com/op/ [4.09.2007].

Carte4 Trasar de Carballo, Cartelos, Carballedo (LU). González Guerra, Anxo.

Carte5 Trasar de Carballo, Cartelos, Carballedo (LU). Os Parentes. Información ofrecida por correo electrónico.

Carzoá Carzoá, Cualedro (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

CAS1 CASTELAO (1999-2000): *Obras.* Henrique Monteagudo (coord.). Galaxia, Vigo.

CAS1b ROSALES, Manuel (2000): "Entrevistas con Castelao 1912-1949" en SEIXAS SEOANE, M. A. e outros (2000): *Para ler a Castelao 1. Cronoloxía, entrevistas e bibliografía.* Henrique Monteagudo (coord.). Galaxia, Vigo.

CAS2 CASTELAO (1996): *175 debuxos de Castelao.* Fundación Caixa Galicia, s.l., 1996.

Casaio Casaio, Carballeda de Valdeorras (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Casal. Casalnovo, Ribeira (C). MARIÑO DOMÍNGUEZ, Francisca (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cast. Aldea de Arriba, Castrelo, Ordes (C). MARCO LÓPEZ, Aurora (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Casti. O Castiñeiriño, Santiago de Compostela (C). Otero, David (2003).

Castre. Castrelo, Cambados (PO). SEMINARIO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (1995): *O campo en Castrelo.* Colexio Público Castrelo, Cambados.

Castro. Castromil, A Mezquita (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

Cato. Catoira (PO). Lajos Guillán, Manuel (1986).

Cato2 Aragunde, Catoira, Catoira (PO). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Cazás Cazás, Xermade (LU). Roca García, Mª Xosefa (1986).

CB BAIÓN, Celso de (pseud. de Xosé María Álvarez Blázquez) (1976): *Os nomes da terra.* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 47).

CC CASARES, Carlos (2001): "Unha vaca e un can" en *La Voz de Galicia* 29.11.2001.

CCR Cobas Riveiro, Clementina (1995): "Sistema da cota láctea" en LIÑARES GUIRAUT, Amancio (ed.) (1995): *Feiraco e o Val de Barcala. Un camiño de progreso.* Feiraco S. Coop. Ltda., Negreira; 41-47.

CdF FIGUEIREDO, C. De (1996): *Grande Diccionário da Língua Portuguesa.* Bertrand Editora, Venda Nova, 25 edição.

CdG COIRO DE GALICIA *Glosario galego do coiro. Glosario galego/castelán do coiro en Galicia recopilado do Diccionario de Diccionarios de Galego.* Antón Santamarina, do Instituto da Lingua Galega. http://es.geocities.com/coirogalicia/ glosario_en_galego/Z_glosario.htm [15.01.2009]. Citamos algunha voz ou explicación que ofrece este *Glosario* e que non procede do *Diccionario de Diccionarios.*

Cea San Cristovo de Cea (OU). Taboada Cid, Carolina (1993).

Cea1 San Cristovo de Cea (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Cea2 San Cristovo de Cea (OU). Rodríguez Freijedo, Amador (1993).

Cea3 San Cristovo de Cea (OU). Hermida García, Modesto (1993).

Cebre. Cebreiro, O Pino (C). BRAVO FERNÁNDEZ, M. Pilar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cece. Cecebre, Cambre (C). Veiga, Emilio.

Ced. Cedofeita, Ribadeo (LU). BAAMONDE TRAVESO, Gloria (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega. GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Cede. Cedeira (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Cede2 Cedeira (C). Rodríguez Vergara, Xabier (2007).

Cela Cela, Mos (PO). Rodríguez, Ignacio.

Cela2 Cela, Mos (PO). Pereiro, Narciso (1986).

Celano. Celanova (OU). RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Galaxia, Vigo I (1958), II (1960), III (1961).

Celas Celas de Peiro, Culleredo (C). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba.* Universidad de Santiago de Compostela.

Celav. Celavente, O Bolo (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Cenlle Cenlle (OU). VILANOVA R., Manuel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cer. Cerceda (C). ROJO, Guillermo (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cer-P San Miguel de Cerceda, O Pino (C). Fernández Rodríguez, Antonio.

Cerd. Cerdedo (PO). Benavente Jareño, Pedro (2000).

Cerd1 Cerdedo (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Cerd2 Meilide, Cerdedo, Cerdedo (PO). COUCEIRO PÉREZ, M. Luz (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cere. Fiais, Cereixido, Quiroga (LU). ARIAS PRIETO, Inmaculada (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cerei. Cereixa, A Pobra do Brollón (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Cerp. Cerponzóns, Pontevedra (PO). Ferro Ruibal, Xesús (2000).

Cerv. Cervantes (LU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Cerv1 Cervantes (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Cervá1 Cervás, Ares (C). PEINADO LÓPEZ, M. Rita (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cervá2 Cervás, Ares (C). FELPETO LAGOA, Matilde (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Ces. Cesuras (C). SANCHEZ SANCHEZ, Aurora (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cesan. Cesantes, Redondela (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Cesan2 Cesantes, Redondela (PO). Cabaleiro Táboas, Mª Teresa (1995).

Cesuris Langullo, Cesuris, Manzaneda (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

CF CASTRO CERDEDA, Marisa e FREIRE GARCÍA, Luís (1982): *Guía das setas ou cogumelos comestibles de Galicia.* Xerais, Vigo.

CF2 CASTRO, Marisa, FREIRE, Luís e PRUNELL, Antonio (1989): *Guía das árbores de Galicia.* Xerais, Vigo.

CFoz Cangas, Foz (LU). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

CG *El Correo Gallego*.

CGG1 GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

CGG2 GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino (2003): *O libro das palabras (Obra xornalística completa).* Xunta de Galicia. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela 2003. Citamos polas páxinas desta edición global. Esta obra reúne nun único volume tódolos libros anteriormente publicados polo autor: *Recantos da lingua 1982* (La Voz de Galicia, La Coruña 1983), *Follas da lingua* (La Voz de Galicia, La Coruña 1987), *Retrincos da lingua* (La Voz de Galicia, La Coruña 1988), *Cousas da lingua* 1989 (La Voz de Galicia, La Coruña 1990), *Cartafol da lingua* (La Voz de Galicia, La Coruña 1990), *Peneirando palabras* (La Voz de Galicia, La Coruña 1991), *Tesouros da lingua* (La Voz de Galicia, La Coruña 1993), *Glosas da lingua* (Xerais, Vigo 1996), *Fiestra da lingua* e *Matinando na lingua*.

CGP1 GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1987): *O refraneiro do mar.* Excma. Diputación de Pontevedra.

CGP2 GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1989): *A festa dos maios en Galicia.* Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.

CGP3 GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1991): *As festas cíclicas do ano.* Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

CGP4 GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (ed.) (1983): *Padín: escolma.* Ediciós do Castro, Sada.

CGP5 GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (ed.) (1984): *Xaime Prada: escolma.* Ediciós do Castro, Sada.

CGP6 GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (ed.) (1985): *Maside: escolma.* Ediciós do Castro, Sada.

CGP7 GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (ed.) (1986): *Castelao: caricaturas e autocaricaturas.* Ediciós do Castro, Sada.

CGP8 GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (ed.) (1993): *M. Torres: escolma.* Ediciós do Castro, Sada.

CGP9 GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio e MARTÍNEZ MOLEDO, Jesús (Suso Xogaina) (2003): *La iglesia y el cementerio de Santa María a Nova de Noia*. Diputación Provincial de A Coruña. A Coruña.

CGP10 GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1997): "Os animais domésticos" en *Galicia. Antropoloxía XXIV*. Proxecto Galicia, Hércules de Ediciones, A Coruña.

CGS G. SUÁREZ-LLANOS, Camilo (1961): *Lonxe de nós e dentro.* Galaxia, Vigo.

Cha. Chamoso, O Corgo (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Chaián Chaián, Trazo (C). García Casas, José Mª.

Chan. Vasán, Chantada, Chantada (LU). YEBRA PIMENTEL, Isabel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Chan1 Chantada (LU). MORENO SOLANA, C. (1955): "Latín 'mulgere'" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI, 1955, 390-395.

Chan2 Chantada (LU). Benavente Jareño, Pedro (1991).

Chandre. Chandrexa de Queixa (OU). Delgado Montero, Mª Inmaculada (1988).

CHG HERMIDA GULÍAS, C. (1966 ss.): *Léxico dos arginas.* Inédito do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

CL LÓPEZ, Cayetano (1941?): *Galicia, su ganadería, medio en el que se desenvuelve, enfermedades que padece, factores que influyen en la presentación, permanencia y contagio. Plan Regional de lucha contra ellas.* Ministerio de Agricultura, sección de Publicaciones, Prensa y Propaganda, Madrid.

CLam. Campo Lameiro (PO). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

CLam2 Campo Lameiro (PO). Chayán Montáns, Demetrio (2000).

CLam3 S. Isidro de Montes, Campo Lameiro (PO). Castro Iglesias, David F. (2010).

CLT LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1974): *Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega*. Akal, Madrid.

CLV LAMELA VILLARAVID, Carme e outros (1998): *A cultura popular de tradición oral nos centros da Terceira Idade. Unha experiencia de recollida en centros de Ourense, Santiago, Tui e Viveiro. Edición sonora.* Arquivo Sonoro de Galicia. Consello da Cultura Galega Santiago de Compostela.

CMS MORENO SOLANA, C. (1955): "Hojas del pino" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI/3, 1955, 386-389.

CMS2 MORENO SOLANA, C. (1955): "Latín 'mulgere'" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI, 1955, 390-395.

CNC NOIA CAMPOS, Camiño (2002): *Contos galegos de tradición oral.* Edicións NigraTrea, Vigo.

Cod. Codeseda, A Estrada (PO). FRAIZ BARREIRO, M.A. (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Cod1 Codeseda, A Estrada (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Cod2 Codeseda, A Estrada (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Cod3 Codeseda, A Estrada (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

Cod4 Terreboredo, Codeseda, A Estrada (PO). Rodríguez Castro, Mª Concepción (2000).

Code. Codesedo, Sarreaus (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Codeso. Castro do Seixo, Codesoso, Sobrado (C). PETEIRO GARCÍA, M. Ramona (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

CODOLGA *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae***.** LÓPEZ PEREIRA, E. (dir.). http://balteira.cirp.es/codolga/

Coiro Coiro, Cangas (PO). Otero González, Manuel.

Coles Coles (OU). Valencia, Gustavo (2005).

COLUMELLA COLUMELLA, Lucius Iunius Moderatus († 70 dC): *Rei Rusticae libri XI*.

Com1 Santiago de Compostela (C). GARCÍA GONZÁLEZ, Constantino (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Com2 Santiago de Compostela (C). Ferro Ruibal, Xesús (2000).

Com3 Santiago de Compostela (C). SARMIENTO, Fr. Martín (1973): *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega.* Edición de J. L. Pensado, Univ. de Salamanca.

Com4 Santiago de Compostela (C). DOMINGUEZ REBOIRAS, Xavier (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Com5 San Miguel, Santiago de Compostela (C). Otero Otero, Mª Carmen.

Com6 Santiago de Compostela (C). Otero Outes, José A. (1952).

Com7 Santiago de Compostela (C). Vázquez Pérez, Luís Antonio (2003).

Com8 Santiago de Compostela (C). Sayáns (2004).

Com9 Santiago de Compostela (C). Carrillo González, Mª Elena.

Com10 Santiago de Compostela (C). ANÓNIMO (2005): Información oral recollida no Mercado semanal de Amio.

CONDE CONDE DE CELA (1913): "Día negro para el toreo gallego" en *Suevia.* Buenos Aires 5, 26.4.1913; 7-8.

Conso Conso, Vilariño de Conso (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

Consta. Reguenga, Constante, Guntín (LU). REBOREDO FERNÁNDEZ, M. Luz (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Conxo Torrente, Conxo, Santiago de Compostela (C). VÁZQUEZ SANTAMARÍA, Mª Ester (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Corb. Corbillón, Cambados (PO). SANTOS SOMOZA, Nazario (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Corc. Corcubión (C). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Corc1 Corcubión (C). RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Galaxia, Vigo I (1958), II (1960), III (1961).

Córco. Córcores, Avión (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Corde. Cordeiro, Valga (PO). López Castro, Manuel (1958).

Cores Cores, Ponteceso (C). Souto Blanco, Xosé (2003).

Coris. Coristanco (C). (2000): *La Voz de Galicia* 8.12.2000.

Corme1 Corme, Ponteceso (C). RAMÓN E FERNÁNDEZ OXEA, J. (1951): "Cancionero y refranero de Corme" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VII, 457-507.

Corme2 Corme, Ponteceso (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-

1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Corna. Cornazo, Vilagarcía de Arousa (PO). PADÍN CASTRO, Mª Paz (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Corre. Corredoiras, Boimorto (C). ARES ENJAMIO, Daniel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Corullón Corullón (LE). GUERRERO, Victoriano (1994): "A fala de Corullón" en *II Xornada da cultura e da lingua galegas no Bierzo.* Vilafranca do Bierzo, 21 de agosto 1994; 13-27.

Coruña Provincia da Coruña (C). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Coruña2 Provincia da Coruña (C). Benavente Jareño, Pedro (1987).

Coruña3 Coruña (C). ANÓNIMO (1962): Informantes anónimos do 'Refraneiro' de Vázquez Saco.

Coruña4 A Coruña (C). Casares, Carlos (1996).

Corz. Corzáns, Salvaterra de Miño (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Cos Callobre, Cos, Oza dos Ríos (C). Carro Fraga, Antonio.

Cospe. Cospeito (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

Cospe2 Cospeito (LU). Anido Silvosa, María Xesús (2000).

Coto. Cotobade (PO). Cao Grossi, Fernando (1986).

Coto1 Cotobade (PO). LIS QUIBÉN, Víctor (1949): *La Medicina Popular en Galicia.* Madrid (reed. Akal, Madrid 1980).

Coto2 Cotobade (PO). FRAGUAS FRAGUAS, A. (1985): *Aportacións ó cancioneiro de Cotobade.* Fundación Otero Pedrayo, Trasalba.

Cou1 Folgoso do Courel (LU). NOVONEYRA, Uxío (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Cou2 Folgoso do Courel (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego*. Alvarellos, Lugo.

Cou4 NOVONEYRA, Uxío (1952-1954): *Os Eidos*. Citamos pola reprodución facsímile do manuscrito orixinal que ofrece TARRÍO VARELA, Anxo (ed.) (2010): *Día das Letras Galegas 2010. Uxío Novoneyra. Contén reprodución facsimilar do manuscrito autógrafo d'Os Eidos (1952-1954). Edición ao coidado de...* Departamento de Filoloxía Galega. Universidade de Santiago de Compostela.

Cou3 Folgoso do Courel (LU). FOLE, Ánxel (1953): *Á lus do candil*. Galaxia, Vigo (6ª edición de 1986).

Couce. Maxais, Coucieiro, Val do Dubra (C). ARNEJO ARANGO, Luísa F. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Couso Couso, Santa María de Couso, A Estrada (PO). VIÑA LISTE, M. Mercedes (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Covas Covas, Ames (C). HERRERO FIGUEROA, Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

CovasC A Agrela, Covas, San Cristovo de Cea (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Cove. Covelas, Os Blancos (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Covelo Covelo (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

CP CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

CPlag PLAG, Cornélia (2009).

CR1 REIGOSA, Carlos G. (1991): "Leyenda y realidad de Pepa 'la Loba'" en *Historia 16*, 187, nov 1991, 115-126.

CR2 REIGOSA, Carlos G. (2006): *Pepa a Loba.* Ilustracións de Miguelanxo Prado. Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

Cre. Crecente, A Pastoriza (LU). BLANCO FERNÁNDEZ, C.E. (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

CReis1 Caldas de Reis (PO). Lajos Guillán, Manuel (1986).

CReis2 Tibo, Caldas de Reis, Caldas de Reis (PO). BLANCO LORA, M. Isabel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Crendes O Pazo, Crendes, Abegondo (C). SANCHEZ SEOANE, M. Luísa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Cris. Cristimil, Lalín (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Cruído Cruído, Lousame (C). MUÑOZ SÁNCHEZ-BRUNETE, Xerardo (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

CSE SANZ EGAÑA, Cesáreo (1948): *La inspección veterinaria en los mataderos, mercados y vaquerías*. Biblioteca de la Revista Veterinaria de España, Barcelona.

CSF SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto (1951): "Refranero de los pescadores de las Rías Bajas. Colegido por Sampedro y Folgar" en *Museo de Pontevedra* VI, 1951, 111-118.

CSM AFONSO X O SABIO (XIII-1981): *Cantigas de Santa María.* Ed. Mettmann, Coimbra (facsímile Xerais, Vigo 1981).

Ctel1 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Muíños, Manuel (Manuel de Cacheiro) (1987-2005).

Ctel2 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Lopo González, María S. (1987-2005)

Ctel3 Caritel, Ponte Caldelas (PO). González Piñeiro, Aquilino (1987).

Ctel4 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Costureira, Herculina da (1987).

Ctel5 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Garrido, Claudina (do Calviño) (1987).

Ctel6 Caritel, Ponte Caldelas (PO). López Santos, M. Pilar (1990).

Ctel7 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Muíños, Elvira (de Moledo) (2000).
Ctel8 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Murado Muíños, Anabel (de Moledo) (2000).
Ctel9 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Fernández Hermida, Xesús (2007).
Ctel10 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Ferro Ruibal, Xesús (2007).
Ctel11 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Vidal, Milagrosa (2004).
Ctel12 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Muíños, Xesús (2001).
Ctel13 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Lopo González, Eliseo (2004).
Ctel14 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Elvira da Sobreira (2002).
Ctel15 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Rivera Cal, Eulalia Josefa (2004).
Ctel16 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Garrido, Esperanza (do Calviño) (1995).
Ctel17 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Amoedo Pérez, María (2007).
Ctel18 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Blanco Malvar, Juan Carlos (2008).
Ctel19 Caritel, Ponte Caldelas (PO). Martínez Luna, Ángel (2009).
CTui Caldelas de Tui, Tui (PO). TESOURO FRANQUEIRA, Pilar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
CTui2 Caldelas de Tui, Tui (PO). Pérez Pérez, Leoncia (1986).
Cuale. Cualedro (OU). RISCO, Vicente (1935): "Folklore de Coaledro (Ourense)" en *Nós* 137-138, 1935, 108-111.
Cubi. Cubilledo, Baleira (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba.* Universidad de Santiago de Compostela.
Cubi2 Cubilledo, Baleira (LU). GIL SUÁREZ, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Culle. A Hermida, Culleredo, Culleredo (C). MARTÍNEZ CALVO, Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Cunt. Cuntis (PO). Lajos Guillán, Manuel (1986).
Cunt1 Sevil, Cuntis, Cuntis (PO). Escariz Asorey, Manuel (1986).
Cunt2 Fontecova, Cuntis, Cuntis (PO). TATO FONTAÍÑA, Antón (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Cunt3 Cuntis (PO). RODRÍGUEZ, Bernardo (1900-1901-2008): "Compra–venta" en CASTRO LÓPEZ, Manuel (1901): *Almanaque gallego para el año 1901 por Manuel Castro López...* Buenos Aires, Imp. y Taller de Grabados de F. Ortega y Millán; 55-57. Ed. Facsimilar: Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega 2008; 417-419.
Cur. Curtis (C). MARTÍNEZ MARTÍNEZ, M. Rosario (1970-1985): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega. Ver tamén *El habla de Curtis y sus cercanías*; Tesis de Licenciatura, Universidad de Santiago de Compostela, febrero 1970; e GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.
Cur1 Teixeiro, Curtis, Curtis (C). PENAS GARCÍA, M. Anxos (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Curro Bretoña, Curro, Barro (PO). Corredeira Varela, Xosé Manuel.
CV VIU, Cristina (2001): "Erundina ya no bautiza sus vacas" en *La Voz de Galicia* 20.11.2001.
CV1 VALLE, Carlos (1965): "Superstições do Povo (Medicina mágica)" en *Actas do Congresso Internacional de Etnografia* 595-620.
CV2 VALLE, Carlos (1964): "Tradições populares de Vila Nova de Gaia. Orações tradicionais" en *Revista de Etnografía* Porto 5, 1964, 139-181.
CVal GUITIÁN RUBINOS, Laureano (1877-1885-1909): *Unha noite na casa do Tío Farruco do Penedo.* Lugo, Soto Freire. Texto premiado en 1877 no Certame Literario da Exposición Rexional de Lugo. Tamén se publicou en CRUCES, Fortunato: *Almanaque de Galicia.* Año 1909. Buenos Aires 1909; 31-43. Este texto, un dos primeiros en prosa literaria galega da época moderna, foi escrito en Nocedo do Val (Castrelo do Val) onde residiu ata o 2.10.1877, xa que o 3.10.1877 pasou a residir en Lalín.
CVer. Castroverde (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.
CVer2 Castroverde (LU). MÉNDEZ SÁNCHEZ, Flora (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
DA ALONSO, D. (1946): "El saúco entre Galicia y Asturias (Nombre y superstición)" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* II, 1946, 3-32.
DAGR DAREMBERG, Ch. et SAGLIO, Edm. (1877- 1919?): *Dictionnaire des antiquités grecques et romaines : d'après les textes et les monuments ... / sous la direction de* ... Hachette, Paris. http://dagr.univ-tlse2.fr/sdx/dagr/index.xsp
Damil Damil, Begonte (LU). ENCINAR FERNÁNDEZ, M. Luísa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
DBP BLANCO PÉREZ, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia. 1745-1885.* Xerais, Vigo. 2 tomos. Citamos polo número de cantiga.
DBP2 BLANCO PÉREZ, Domingo (1971): *Literatura popular na comarca de Ortigueira.* Tese de Licenciatura. Inédita.
DC CONDE, Diego (2007): "Mejora de la Raza Bovina Gallega", en *Información Veterinaria.* 5, maio 2007; 27-31.
DdD SANTAMARINA, Antón (ed. e dir.) (2000-2003): *Diccionario de diccionarios.* Fundación Pedro Barrié de la Maza, Instituto da Lingua Galega, 2000 1ª; 2ª ed. aum. 2001; 3ª ed. aum. 2003.
DdDGM GONZÁLEZ SEOANE, Ernesto (dir.) (2006): *Dicionario de dicionarios do galego medieval.* Anexo 57 de *Verba.* Universidade de Santiago, Santiago de Compostela.
DeAntonio DE ANTONIO RUBIO, Mª Gloria (2006): *Los Judíos en Galicia (1044-1492).* Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.
Dena Dena, Meaño (PO). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do

Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Dena2 Dena, Meaño (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Devesa A Devesa, Ribadeo (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Devesa2 Rochela, A Devesa, Ribadeo (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Deza .Terra do Deza (PO). González Madriñán, Marcos.

DG GIRÁLDEZ Diego (2007): *MARUCOGA: historia do primeiro matadoiro industrial cooperativo de Galicia O Porriño 1924-1949. Limiar por Avelino Pousa Antelo; introducción por Alberte Martínez López*. Edicións Alén-Miño, Ponteareas.

Dis. Distriz, Monforte de Lemos (LU). GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, M. Rosario (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

DMA MAÇAS, Delmira (1950): *Os animais na linguagem portuguesa.* Centro de Estudios Filológicos, Lisboa.

DMSC SOLER CRUZ, D.M. (2000): "El estudio de las miasis en España durante los últimos cien años" en *Ars Pharmaceutica* 41, 2000, 19-26.

Doade Doade, Xirazga, Beariz (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

DOG Diario Oficial de Galicia.

Domiz Domiz, Carballeda de Valdeorras (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Donís1 Donís, Cervantes (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Donís2 Moreira, Donís, Cervantes (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Donís3 Piornedo, Donís, Cervantes (LU). Benavente Jareño, Pedro (2000).

Donón Donón, Hío, Cangas (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Dormeá Filgueiras, Dormeá, Boimorto (C). Ramos, Inés (2008).

Dozón Dozón (PO). Amado Piñeiro, José Luís (2005).

Dozón2 Dozón (PO). Lois Navaza, Ana.

DOUE Diario Oficial de la Unión Europea.

DP DAPORTA PADÍN, Xosé Ramón e outros (1994): *O medio mariño. O home e o mar.* Candea, Cambados.

DRAG REAL ACADEMIA GALLEGA (1913-1928): *Diccionario gallego-castellano.* La Coruña.

DRAG2 GARCÍA, Constantino e GONZÁLEZ, Manuel (1997): *Diccionario da Real Academia Galega.* A Coruña.

Drago. Dragonte, Corullón, Vilafranca do Bierzo (LE). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Dúas Quintelas, Dúas Igrexas, Forcarei (PO). CARAMÉS CARDESÍN, M. Tareixa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

DuCange DU CANGE (1883-1887): *Glossarium mediae et infimae latinitatis conditum a Carolo du Fresne, domino Du Cange auctum a monachis Ordinis S. Benedicti cum supplementis integris D. P. Carpenterii g. a. l. henschel. sequuntur clossarium gallicum, tabulae indices auctorum et rerum, disertationes editio nova aucta pluribus verbis aliorum scriptorum.* Leopold Favre, membre de la Société de l'Histoire de France et correspondant de la Société des Antiquaires de France. Niort, L. Favre, imprimeur-éditeur; 10 tomos. 1883-1887.

Dum. Dumbría (C). LEIS CASANOVA, Inés (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega. GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

DXC CABANA, Darío Xohán (1974): *O libro do amor. Escolma e limiar de* [...]. Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 41).

DXC2 CABANA, Darío Xohán (2003): *Vinte cadernos: (poemas 1969-2002).* Edicións Xerais de Galicia, Vigo. O poema *A vaca* aparecera no *Romanceiro da Terra Cha.* Castrelos 1973; 46.

EAG ÁLVAREZ GIMÉNEZ, Emilio (1904): *Refranero agrícola y metereológico* [sic] *gallego.* Pontevedra MCMIV.

EAG2 ÁLVAREZ GIMÉNEZ, Emilio (1920): "Refranes gallegos recogidos en la provincia de Pontevedra" en *Ultreya* 20, 1920, 320; 21, 1920, 336; 22, 1920, 352.

EAI ARAÚXO IGLESIAS, Emilio (1996): *Cinsa do vento. Libro da Ribeira Sacra.* Tórculo Artes Gráficas, Santiago.

EAR1 ALONSO, E. (1990): "O contrabando na raia do Miño" en *La Voz de Galicia* 24.07.1990.

EAR2 ALONSO, E. (1992): "Amuletos e remedios do gado, polos males que podan vir" en *La Voz de Galicia* 2.12.1992.

EAR3 ALONSO, E. (2002): *Contos do Miño.* Biblioteca Galega 120(31), La Voz de Galicia, A Coruña.

EB1 BLANCO, Emilio (1995): "Plantas de uso veterinario y ganadero" en *Quercus* 107, enero 1995, 50-51.

EB2 BLANCO, Emilio e MORALES, Ramón (1995): "Las plantas cuajaleche" en *Quercus* 111, mayo 1995, 10-11.

EB3 FRAILE, J.M. e BLANCO, E. (1997): "Las plantas en la lírica popular" en *Quercus* 138, 1997, 32-34.

EBas1 BASCUAS, Edelmiro (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega.* Anexo 51 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela.

EBas2 BASCUAS, Edelmiro (2006): *Hidronimia y léxico de origen paleuropeo en Galicia.* Ediciós do Castro, Sada.

EBI BECOÑA IGLESIAS, Elisardo (1981): *La actual Medicina Popular Gallega.* Ed. do autor, La Coruña.

EBR BANDE RODRÍGUEZ, Enrique (1993-1994): "Radiografía de la sociedad colonial americana a través de los sínodos de los siglos XVII y XVIII" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XLI, 1993-94, 392-403.

Ecoagro "Ecoagro. Suplemento de técnica, economía y sociedad agraria del siglo XXI", en *La Región*. Ourense 1998.

ECP COSTA PÉREZ, Evelio, CERVIÑO, María Xosé e LAMELA VILLARAVID, Carme (1996): *A nosa tradición oral. Guía didáctica*. Edición ó coidado de Evelio Costa Pérez, María Xosé Cerviño e Carme Lamela Villaravid. Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

EGE GIPPINI ESCODA, Enrique (1991): *Refraneiro galego (Escolma).* Ediciós do Castro, Sada.

Eixo Valado, O Eixo, Santiago de Compostela (C). QUEIRUGA SARASQUETE, M. Francisca (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

EK KOLB, Erich (1976): *Fisiología veterinaria*. Acribia, Zaragoza.

ELP1 LABARTA POSSE, E. (1887): "Revista d'unha corrida ¿de touros? n-a vila de Noya feita por un labrego" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 164 e 165, 23 e 30.01.1887. Reproducida n'*A Gaita gallega* Ano 3, tocata 15; 30.06.1887; 2-5; en *Galicia humorística* Año 1, t. 1, n. 1; 15.01.1888;18-22; en *Aires d'a miña terra* Buenos Aires 13; 2.08.1908 e posteriormente incluída en ENRIQUE LABARTA POSE (1889): *Bálsamo de Fierabrás, Colección de versos en gallego y castellano, con un prólogo de Alfredo Brañas*. Madrid, Librería de Fernando Fex, Carrera de San Jerónimo, 1889. Imprenta de José M. Paredes, Santiago; 35 ss.

ELP2 LABARTA, Enrique (1897): "O sacreto d'o tío Sanfona" en *Galicia Moderna. Revista quincenal ilustrada* 3, 1897, 12-16. "O tío Miseria" *Ibidem* 6, 1897, 28-34. "A língoa pequena" *Ibidem* 13, 1897, 27-30. Nesta mesma revista asina outros traballos como E.L. Pose, polo que sabemos que se trata do mesmo escritor.

ELP3 LABARTA POSE, Enrique (1909): "Sacar os demos do corpo ou unha romeria na Barca" en *Airiños d'a Miña Terra,* (Habana) 6, 1909, 13-14. Este conto publicouse en sucesivas entregas nesta revista cubana: 1, 1909, 8-9; 2, 1909, 7; 3, 1909, 4; 4, 1909, 10; 6, 1909, 13-14.

ELT LINDOSO TATO, Elvira (2006): "A la sombra del Arsenal: la oferta empresarial de Ferrol en el siglo XIX" en *Cadernos de Estudios Gallegos* LIII, 119, 2006, 271-304.

EM MONTES, Eugenio (1928): *Antología lírica gallega*. Biblioteca de estudios Gallegos, Madrid.

EMC MONTERO CARTELLE, Emilio (1981): *El eufemismo en Galicia (su comparación con otras áreas romances).* Anejo 17 de *Verba.* Anuario Galego de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela.

Enque. Enquerentes, Touro (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Entri. Entrimo (OU). RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Galaxia, Vigo I (1958), II (1960), III (1961).

Enxames Enxames, Vilardevós (OU). FERNÁNDEZ ORBE, Pedro (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

EP PONDAL, Eduardo (1886): *Queixumes dos Pinos*. Latorre y Martínez Editores, La Coruña.

ER ESMORÍS RECAMÁN, F. (1959): "Refranero fisterrán" en *Cuaderno de Estudios Gallegos* 14, 42, 1959, 107-129.

ERG RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Galaxia, Vigo I (1958), II (1960), III (1961).

ERG2 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (192[7]): *Oraciós campesiñas. (Versos galegos).* Imprenta Roel, La Coruña.

ERG3 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1908): *Papas de arroz. Larpeirada /Larpadela.* Folla solta do arquivo da Fundación Penzol de Vigo. Citamos por RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (2001): *Escolma de poemas. Edición, estudio e notas de Xesús Alonso Montero*. Galaxia, Vigo, 93-95.

ERG4 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (¿1936-1939?): "Os novos mártires" en DAVID OTERO (2001): *A vida de Eladio Rodríguez González*. Galaxia, Vigo, 108; "O carro labrego" *Ibidem* 96-97.

ERGa VARIOS (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III (1961).

ERP REGUERA Y PARDIÑAS, Eugenio (1840-1858-1995): *Traducción de algunas voces y locuciones gallegas, especialmente de agricultura, al castellano (1840-1858). Edición e estudio crítico de Xosé Luís Pensado*, A Coruña, Real Academia Galega, 1995; Cadernos de Lingua. Anexo; 2.

ERQ RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Ed. Ceme, Salamanca.

ERQ2 RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

ERQ3 RIVAS QUINTAS, E. (2004): *Frampas III.* Citado polo *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina.

ERQ4 RIVAS QUINTAS, E. (1989): *Lingua galega. Historia e fenomenoloxía.* Alvarellos, Lugo.

ERQ5 RIVAS QUINTAS, E. (1998): "Ríos primitivos do Noroeste" en *El Museo de Pontevedra* LII, 1998, 233-283.

ERQ6 RIVAS QUINTAS, Eligio (2007): *Natureza, Toponimia e fala.* Ed. do autor. Gráficas Ourensanas, Ourense.

Esc. Escarabote, Lampón, Boiro (C). ALONSO PÉREZ, M.C. (1970-1985): *Vocabulario mariñeiro de Escarabote.* Tese de licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela, febrero 1970. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Esc2 Escarabote, Lampón, Boiro (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Escu. Escudeiros, Ramirás (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Escul. A Esculqueira, A Mezquita (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Esgos Esgos (OU). BOUZA BREY, F. (1948): "Nombres y tradiciones de la 'Coccinella septempunctata' en Galicia" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 3, 11 ?, 1948 ?, 367-392.

Esme. Esmeriz, Chantada (LU). ESTÉVEZ LEDO, Mª Isabel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Espa. Espasante, Ortigueira (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Espe. O Cádavo, A Esperela, Baleira (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1944): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Estacas O Casal, Estacas, Cuntis (PO). Benavente Jareño, Pedro (2009).

Este. Estevesiños, Monterrei (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Estr1 A Estrada (PO). RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Galaxia, Vigo I (1958), II (1960), III (1961).

Estr2 A Estrada (PO). Campos Sanmartín, Manuel (1986).

Estr3 Cañoteira, A Estrada, A Estrada (PO). BERNÁRDEZ IGLESIAS, Xoán X. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Estr4 Figueiró, A Estrada, A Estrada (PO). SÁINZ GARCÍA, M. Xesús (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Estr5 A Estrada (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Estr6 A Estrada (PO). Rodríguez Castro, Concepción (2000).

EY-MLS YUS, E. e SANJUÁN, M.L. (1998): "Aspectos actuales de colibacilosis y virosis entéricas más frecuentes en los terneros neonatos" en *Información Veterinaria* marzo 1998, 29-38.

Ézaro Ézaro, Dumbría (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

FA ACEVEDO HUELVES, Bernardo y FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Marcelino (1932): *Vocabulario del Bable en Occidente.* Centro de Estudios Históricos, Madrid. Engadimos tamén algunhas informacións procedentes dos inéditos que incorpora o *Diccionario de Diccionarios* de Antón Santamarina.

FAP1 AÑÓN, F. (1886): "A leiteira" n'*A Gaita Gallega* tocata 12, 30.06.1886, 8 (reproducido n'*O Tio Marcos d'a Portela* 26.06.1887, 5-6).

FAP2 AÑÓN, Francisco (1918): "Epigrama" en *Nós. Páxinas gallegas do Diario da Cruña El Noroeste* 17.09.1918, 7. Ed. facs. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2001.

Fara. Eiradela, Faramontaos, Nogueira de Ramuín (OU). FUENTEFRÍA LAMA, M. Paz (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Fara1 Faramontaos, Nogueira de Ramuín (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

FBB BOUZA BREY, F. (1922): "Pra facer un feitizo" en *Nós* 12, 25.08.1922, 10.

FBB1 BOUZA BREY, F. (1927): "Ditos referentes a xentes e pobos" en *Nós* 45, 15.09.1927, 13-14.

FBB2 BOUZA BREY, F. (1929): "Cántigas populares da Arousa" en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* III, 1929, 153-204, Santiago de Compostela. Reed. facsímile Ediciones Boreal, La Coruña 1989 [Citamos por esta]. Nova reed. en BOUZA BREY, F. (1982): *Etnografía y folklore de Galicia II*. Xerais, Vigo 1982, 73-128.

FBB3 BOUZA BREY, F. (1931): "Literatura popular da parroquia de Paradela, concello da Estrada, na terra da Ulla" en *Nós* 90, 1931, 106.

FBB4 BOUZA BREY, F. (1931): "Cantigas de Somoza, A Estrada" en *Nós* 93, 15.09.1931, 165.

FBB5 BOUZA BREY, F. (1948): "Nombres de la hoja del pino en Galicia" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* X, 1948, 233-252.

FBB5b BOUZA BREY, F. (1953): "Nuevos nombres de la 'coccinella' en Galicia" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 8, 1953, 431-437. Continuación de "Nombres y tradiciones de la 'Coccinella Septempunctata' en Galicia" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 3, 11?, 1948?, 367-392.

FBB6 BOUZA BREY, Fermín (1958): "Os vilancicos galegos cantados na catedral de Santiago no século XVIII e algunhas novas biográficas do poeta Parcero" en *Boletín da Real Academia Galega* XXVIII, 327-332, 1958, 3-9.

FBB7a BOUZA BREY, F. (1982): "El refranero gallego del Comendador Hernán Núñez, primera colección paremiológica de Galicia (siglo XVI)" , en *Etnografía y folklore de Galicia* II. Xerais, Vigo, 211-235.

FBB7b BOUZA BREY, F. (1982): "El lagarto en el folklore gallego-portugués" en *Etnografía y folklore de Galicia* I. Xerais, Vigo 1982, 61-80.

FBB8 BOUZA BREY, F. (1973): Notas manuscritas inéditas no arquivo da Real Academia Galega.

FBN BARBEYTO NISTAL, Fernando (1989): *Producción de leite en Galicia. Manual Técnico.* Xunta de Galicia. Consellería de Agricultura, Santiago de Compostela.

FC-FB L. CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F. (1929): "Os oestrimnios, os saefes e a ofiolatría en Galiza" en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos II* Santlago de Compostela MCMXXIX, 29-193.

FCQ CABEZA QUILES, Fernando (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado.* Xerais, Vigo.

FCR CRESPO RIVAS, Francisco (1939): *Defensa de la ganadería gallega.* Imprenta Saturnino Montero, Puenteareas.

FCru CRUCES, Fortunato (1909): "Un milagre" en *Almanaque de Galicia*. Buenos Aires. Año 1º, 1909, 87.

FDM DATO MURUAIS, Filomena (1891): *Follatos. Poesías gallegas*. Imp. de A. Otero, Ourense.

Feás-A Feás, Aranga (C). COUCEIRO PÉREZ, J.L. (1973-1985): *El habla de Feás.* Tese de doutoramento. Universidad de Santiago de Compostela 1973. *Anejo* 5 de Verba 1976. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Feás-B Feás, Boborás (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

FEIXOO FEYJOO Y MONTENEGRO, Benito Geronimo (1726): *Theatro critico universal ò Discursos varios en todo genero de materias, para desengaño de errores comunes / Escrito por el Muy Ilustre Señor D.Fr. ...* En Madrid. En la Imprenta de Lorenzo Francisco Mojados, 1726-1739.

Ferr. Ferrol (C). Ferro Ruibal, Xesús (1983).

Ferr1 Ferrol (C). Corral Díaz, David (1982).
Ferr2 Ferrol (C). Núñez Ferreiro, Tareixa (1982).
Ferr3 Ferrol (C). Otero Vázquez, Xusta Luísa (1982).
Ferr4 Ferrol (C). Rodríguez Rodríguez, Mª Pilar (1982).
Ferr5 Ferrol (C). Llópiz, Mª Victoria (1950).
Ferr6 Ferrol (C). Fraguela, Mª Xosé.
Ferr7 Ferrol (C). PORTO DAPENA, J. Álvaro (1977): *El gallego hablado en la comarca ferrolana.* Verba, *Anejo* 9, Universidad de Santiago de Compostela.
Ferr8 Ferrol (C). López Espiñeira, Mª Dores.
Ferr9 Ferrol (C). R.M.L. (1928): "De Folk-lore: Veciñanzas de Ferrol. Desiñazóns xeográficas en cantigas populares" en *Nós* 58, 15.10.1928, 189.
FFdR FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F. (1976): *Antoloxía de poesía galega. Do dezanove aos continuadores.* Galaxia (reedición 1995).
FFR FERNÁNDEZ REI, Francisco (coord.), GARCÍA, Constantino e SANTAMARINA, Antón (dirs.). (2003): *Atlas Lingüístico Galego, IV: Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico.* Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.
FFRO FERNÁNDEZ ROMÁN, Fernando (2001): *Los toros contados con sencillez.* Maeva Ediciones, Madrid.
FGL GARCÍA LORCA, Federico (2004): *Seis poemas galegos.* Xefatura Superior de Policía de Galicia. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2004.
FH HUTYRA, F. e outros (1973): *Patología y terapéutica especiales de los animales domésticos* I. Labor, Barcelona.
Figue1 Portela, Figueiras, Santiago de Compostela (C). CAJADE MIRAMONTES, M. Pilar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Figue2 Codesedas, Figueiras, Santiago de Compostela (C). ARADAS PÉREZ, M. Isabel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
FINGOI CENTRO DE ESTUDIOS FINGOY (comp.) (1972): *Contos populares da provincia de Lugo.* Galaxia, Vigo.
Fiste. Fisterra (C). Ferro Ruibal, Xesús (2007).
Fiste2 .Fisterra (C). QUINTÁNS SUÁREZ, M. (1997): "Cancioneiro popular da Fisterra galega" 576, n'*O Correo Galego* 9.12.1997.
FL LAMAS, Farruco (1918): "Facendas" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 7.01.1918, 5-6. O nome completo é Francisco Lamas Barreiro.
FLC LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino (1953): "Elexía prematura do carro de bois. (Especial para Galicia)" en *Galicia, Revista del Centro Gallego.* (Caracas, 1952-1954) 6, marzo-abril 1953, 4. Reed. facsímile de Luís Alonso Girgado. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela 2006. A edición venezolana está tan inzada de erratas que seguímo-la reedición incluída en LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino (1962): *Prosas galegas. Prólogo de Marino Dónega*, Galaxia, Vigo, 43-46, porque supoñemos que estará emendada polo autor. Nesta edición este texto aparece datado en 1955.
FLP LEIS PÉREZ, Fernando (2002): "Pastos e forraxes. Unificando criterios" en *Feiraco* maio-xuño 2002, 9-11.
FM MIRÁS, Francisco (1864): *Comprendio de Gramática Gallega-Castellana con un Vocabulario de nombres y verbos gallegos y su correspondencia castellana, precedido de unos diálogos sobre diferentes materias. Un grandioso poema de 100 octavas reales titulado 'La Creación y Redención'. Un extracto de Fábulas de los mejores fabulistas así como algunas del autor por...* Santiago, Establecimiento tipográfico de Manuel Mirás.
FM2 MIRÁS, Francisco (1888): "Apólogos" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 24.06.1888, 6-7.
FME MERSHMAN, Francis (2007): "La Fiesta del Corpus Christi" en *Enciclopedia Católica* http://www.enciclopediacatolica.com/c/corpuschristi.htm [08.10.2007].
FMor MORGANTI, Flavio (2008): *Vacas. A súa dignificación sexual e gastronómica*. Editorial Everest Galicia, A Coruña. Concello de Allariz. Edición especial para o 25 aniversario da Festa do Boi.
FMP PORTELA, Fr. Marcos da (Pseudónimo de V. Lamas Carvajal) (1888): *Catecismo do labrego*. Reed. Castrelos, Vigo 19811[5] (Col. O Moucho 1). Lamas empezou a publicalo por entregas n'*O Tio Marcos d'a Portela* o 21.10.1888 co título "O catecismo d'o gallego". O 26.05.1889 anuncia a publicación como obra á parte e co título *Catecismo d'o labrego*. Pero a publicación real en *El Eco de Orense* (1889) tivo un título máis longo. Carballo Calero cítao así: *Catecismo da doutrina labrega composto polo R.P.M.Fr. Marcos da Portela, Doutor en Teoloxía campestre*.
FMS SARMIENTO, Fr. Martín (1754-1973): *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega. Edición y estudio por J.L. Pensado*, Universidad de Salamanca 1973.
FMS1 SARMIENTO, Fr. Martín (1757-69 - 1998-99): *Onomástico etimológico de la lengua gallega. Edición y estudio por J.L. Pensado*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, s.l. vol. I (1999); vol II (1998) [sic].
FMS2a SARMIENTO, Fr. Martín (1745-1975): *Viaje a Galicia (1745). Edición y estudio por J. L. Pensado*. Museo de Pontevedra y Universidad de Salamanca, 1975.
FMS2b SARMIENTO, Fr. Martín (1754-1999): *Viage que yo Fr. Martin Sarmiento, benedictino, Hize desde San Martin de Madrid à Galicia, y en derechura à Pontevedra, mi Patria. Año de 1754.* En *Galicia dende Salamanca 2*. Suplemento: PENSADO TOMÉ, Xosé Luís (ed.) (1999): *A viaxe de Fr. M. Sarmiento a Galicia en 1754. Edición e índices de ...* Lectorado Galego de Salamanca.
FMS3 SARMIENTO, Fr. Martín (1758-1766-1772-1998): *Elementos etimológicos según el método de Euclides. Edición y estudio por J. L. Pensado*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña 1998. A primeira cifra indica a páxina desta edición; e a segunda, o número de parágrafo orixinal de Sarmiento.
FMS4 SARMIENTO, Fr. Martín (1772): *Volume 5 y último de la Obra de 660 Pliegos de el Reverendissimo Padre Maestro Fray MARTIN SARMIENTO, Benedictino que trata De Historia natural, y de todo genero de Erudicion, con motivo de un papel que parece se havia publicado por los Abogados de la Coruña contra los Foros, y Tierras, que poseen en Galicia los Benedictinos: Y lo escriviò en Madrid por los años de 1762. y siguientes. Sacada esta Copia de su Original, para el Uso de el Excelentissimo Señor Duque de Medina-Sidonia.* En Madrid, Año de 1772. Edición en microfilm da Universidade de Santiago de Compostela.
FMS5 SARMIENTO, Fr. Martín (1745-1762-1970): *Colección*

de muchas palabras, vozes y frases gallegas... Esta obra consta dun *Coloquio de 24 Gallegos Rusticos* tamén coñecido como *Coloquio en mil duascentas coplas galegas*: desta primeira parte o manuscrito autógrafo é o ms. 18.777 da Biblioteca Nacional de Madrid, e del pódese ver fotografía dixital en www.consellodacultura.org/ mediateca/pubs.pdf/Coloquio.pdf ou edición facsímile do Consello da Cultura Galega (*Coloquio en mil duascentas coplas galegas*. Santiago de Compostela 2002). A obra ten unha segunda parte na que o autor fai comentario filolóxico das palabras que usara nas coplas. Para a cita usámo-la edición de Pensado que contén as coplas e mailo comentario filolóxico de Sarmiento: *Colección de voces y frases gallegas. Edición y estudio por J. L. Pensado*. Universidad de Salamanca, 1970.

FMS6 SARMIENTO, Fr. Martín (1762): *Obra de 660 Pliegos de el Reverendissimo Padre Maestro Fray MARTIN SARMIENTO, Benedictino...* Parte inédita [2008]. Cortesía do Proxecto Sarmiento do Consello da Cultura Galega e do Instituto da Lingua Galega.

FMS7 SARMIENTO, Fr. Martín (1758): *Etymologia del nombre del lugar de S. Martín de Sacar de Bois en el país de Caldelas*. Colección de los Manuscritos del R. P. Fr. Martin Sarmiento Benedictino...; tomo nono.

FN *Follas Novas. Semanario gallego*. Habana.

FOL FOL DE GAITA (Rey Ruibal, Adolfo) (1919): "O boi e a ran" n'*O Tio Marcos d'a Portela*, Parrafeo 49, 3ª Época, 21.02.1919, 4.

Fol-C Folgoso, Cerdedo (PO). TROITIÑO CORTIZO, Adela (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Fol-C2 Folgoso, Cerdedo (PO). MARTÍNEZ CACHAFEIRO, Mª Teresa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Fol-Co. Baldomir, Folgoso, Folgoso do Courel (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Fol-LE Folgoso (LE). ÁLVAREZ FERNÁNDEZ, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Foncu. Foncuberta, Maceda (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Fons. San Martín, A Fonsagrada, A Fonsagrada (LU). Santamarina Fernández, Antón (2000).

Fons1 A Fonsagrada (LU). Dosil López, Benxamín (1994).

Fonta. O Lago, Fontarón, Becerreá (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Fontefiz Fontefiz, Ucelle, Coles (OU). FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, Miguel e outros (2001): *Razas autóctonas de Galicia en perigo de extinción.* Servicio de Estudios e Publicacións da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Xunta de Galicia. s.l.

Forc1 Valiñas, Forcarei, Forcarei (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Forc2 Forcarei (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Forc3 Espindo, Forcarei, Forcarei (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Forc4 Forcarei (PO). COUCEIRO, Xosé (2005): "Expresións populares da nosa comarca" en *Cotaredo. Revista Cultural e turística do Concello de Forcarei* VIII, 2005, 17-47.

Forc5 Forcarei (PO). COUCEIRO, Xosé (2006): "Expresións populares da nosa comarca (II)" en *Cotaredo. Revista Cultural e turística do Concello de Forcarei* IX, 2006, 33-42.

FoV Colectivo Fuxan os Ventos (1979): *Galicia canta ó Neno.* Alvarellos, Lugo

Foz Foz (LU). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Foz2 Foz (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Foz3 Foz (LU). BELTRÁN BARRIO, Carmen (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Foz4 Cangas, Foz (LU) (2010). Rubal González, Cristina.

Fózara Fózara, Ponteareas (PO). SÁNCHEZ REAL, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

FPP POTEL PARDAL, F. (1911): *Costumes d'a terriña*. Santiago, 13-23. Citado por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós.* Galaxia, Vigo 1976, 255-258.

FPR PORTO REY, F. (1919): "Vida adiante" en *Nós. Páxinas gallegas do Diario da Cruña El Noroeste* 4.02.1919, 85-86. Ed. facs.: Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2001.

FPR1 PORTO REY, F. (1900-2000): "O Diccionario gallego-castellano de Porto Rey" (Mª X. Bugarín López e B. González Rei eds.) en *Cadernos de lingua* 21, 2000, 25-66.

FQ FONT QUER, P. (1978): *Plantas medicinales. El Dioscórides renovado.* Ed. Labor, Barcelona (4ª).

FQues QUESADA, Fernando (1994): *Quesadas*. Ir Indo Edicións, Vigo.

Fra. Frades, Mondariz (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Fra2 Costa, Frades, Mondariz (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

France. Prexigueiro, Francelos, Ribadavia (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia*. Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

FRB F.R.B. (1887): "A cama d'o Santo" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 201, 30.10.1887, 1-3.

Fre. Frexulfe, O Valadouro (LU). PRADO FERNÁNDEZ, Margarida (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Fre-S Frexulfe, Samos (LU). Rodríguez Añón, Marta (2003).

Frei. Freixeiro, Vigo (PO). LAGO SAAVEDRA, Xosé R. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Freixo Freixo, Celanova (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Fri. Friol (LU). CORTIÑA VÁZQUEZ, Serafín (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Fri2 Friol (LU). Olmos, Leandro.

Friei. .As Frieiras (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio e RODRÍGUEZ CRUZ, José (2002): *Terra das Frieiras.* Deputación Provincial de Ourense.

Fruime CERNADAS Y CASTRO, Diego Antonio (1780): *Obras en prosa y verso del Cura de Fruime D. Diego Antonio Cernadas y Castro, Natural de Santiago de Galicia*. Tomo V, Madrid MDCCLXXX. Por D. Joachin Ibarra, impresor de Cámara de S.M.

FS SALGADO, Fernando (2010): "El 'vil' oficio de zurrador" en *La Voz de Galicia* 4.04.2010. Suplemento Mercados; p.16.

FSL SANDE Y LAGO, Fernando de (1729): *Compendio de albeyteria*. Edición facsímile do Seminario de Estudos Galegos. Ed. do Castro, A Coruña 1989.

FSLQ1 SALGADO Y LÓPEZ-QUIROGA, F. (1917): "Cántigas (Orixinales é inéditas)" n'*O Tío Marcos d'a Portela,* 7.12.1917, 5.

FSLQ2 SALGADO Y LÓPEZ-QUIROGA, F. (1918): "Cantares (Orixinales é inéditos)" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 7.01.1918, 4.

FSLQ3 SALGADO Y LÓPEZ-QUIROGA, F. (1920): "Parrafeo montañés" en *Ultreya* 17, 15.03.1920, 266-267.

FSM SOMOZA DE MONSORIU, F. (1775): *Estorvos i remedios de la Riqueza de Galicia* Santiago. Véxase tamén García Fuentes, Manuel: "'Estorvos, i remedios de la riqueza de Galicia', comentarios a un precursor" en *Untia* 2, 1986, 125-132.

Ful. Fulgueirúa, Riotorto (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Fumiñá Fumiñá, A Pastoriza (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Fuxás Fuxás, Touro (C). CARBALLO VICENTE, M. Luz (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

FVG LOSADA CORTIÑAS, E. e outros (1992): *Nomenclatura vernácula da flora vascular galega.* Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia.

FXFC FRÍAS CONDE, Francisco Xavier (1999): *O galego exterior ás fronteiras administrativas.* VTP Editorial, Xixón.

GAL VARIOS (1992): *Diccionario normativo galego-castelán.* Galaxia, Vigo.

Galdo Galdo, Viveiro (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Galdo2 Galdo, Viveiro (LU). Río Murado, José Antonio.

Gale. Galegos, Riotorto (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Gara. Garabás, Maside (OU). Garrido Álvarez, Venerando (2005).

Gaxate Gaxate, A Lama (PO). BARREIRO MOSQUERA, M. Pilar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Gaxate2 Gaxate, A Lama (PO). LIS QUIBÉN, Víctor (1952): "El conjuro de la tronada en Galicia" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* 8, 1952, 471-493.

GB1 GARCÍA BARROS, Manoel (Ken Keirades) (1931): *Contiños da terra.* Nós Pubricacións Galegas e Imprenta, A Cruña.

GB2 GARCÍA BARROS, M. (1972): *Aventuras de Alberte Quiñói.* Castrelos, Vigo.

GB2b GARCÍA BARROS, M. (Ken Keirades) (1990): *As aventuras de Alberte Quiñoi.* Via Láctea Editorial, Oleiros.

GB3 GARCÍA BARROS, M. (2000): *Enredos.* Galaxia, Vigo.

GdB GIL DE BERNABE, Xosé Manuel (1992): *O liño.* Ir Indo, Vigo.

GEG VARIOS: *Gran Enciclopedia Gallega.* Silverio Cañada editor. 32 tomos.

GEG2 VARIOS (2003): *Gran Enciclopedia Galega.* Silverio Cañada editor. 44 tomos.

GExt. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega común a estes tres lugares: Fol-LE (Folgoso), Val-LE (San Esteban, Valdueza), Vill-O (Villaoril).

GF FLAUBERT, Gustave (1847): *Voyage en Bretagne. Par les champs et par les grèves. Présentation de Maurice Nadeau.* Éditions Complexe. Bruxelles 1989. Citamos pola tradución do texto feita por Leopoldo Cañizo Durán.

GFA FEIXOO DE ARAÚXO, Gabriel (1671-1953): *Entremés famoso en que se contiene la contienda que tuvieron los labradores de la feligresía de Caldelas con los portogueces sobre la pesca del río Miño. Año de 167... Compuesto por el Licenciado Gabriel Feyxó de Araújo. Año de 1671.* Transcripción, limiar e notas de Fermín Bouza Brey; Ed. Monterrey, Vigo 1953.

GM. *Galicia Moderna. Semanario de intereses regionales*. La Habana 27,1.11.1885,3b.

Goá Goá, Cospeito (LU). Anido Silvosa, María Xesús (2000).

Goián Goián, Tomiño (PO). PÉREZ ALONSO, Mª Xesús (1969-1985): *Vocabulario de Goyán.* Tese de Licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela, octubre 1969. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Goián2 Goián, Tomiño (PO). Estévez Gómez, Mª Adoración (1986).

Goiriz Goiriz, Vilalba (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Gome. Armental, Gomelle, Guntín (LU). Vilaboa, María.

Gond. Gondomar (PO). Rancaño Paradela, Gonzalo (1986).

Gorgu. Gorgullos, Tordoia (C). RIVAS QUINTAS, Eligio

(1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

GPL PLACER LÓPEZ, Gumersindo (1929-2003): "Refranero gallego. Colección hecha por el P. Gumersindo Placer López. Mercedario" en *El Obrero de Nazaret* Año II, Núm. 16, Mayo de 1929 - Año III, Núm. 24, Enero 1930. Reedición en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003, 143-171.

Grixó Grixó, Lamas, Moraña (PO). Ferro Batallán, Jesús (1987).

Grixó2 Grixó, Lamas, Moraña (PO). Arquivo persoal de Xesús Ferro Ruibal.

Grixoa Marzo de Riba, Grixoa, Santiago de Compostela (C). MIRAMONTES NIETO, Isabel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Gro1 O Grove (PO). ENRÍQUEZ SALIDO, María del Carmen (1974): *Léxico de O Grove. Anejo* 3 da revista *Verba.* Universidad de Santiago. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe. Anexo* 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Gro2 Coupríns, San Vicente, O Grove (PO). Otero Lijó, Xosé (1990).

Gro3 O Grove (PO). Casal Bardediós, Mercedes (1990).

Gro4 O Grove (PO). García Fernández, Manuel (1990).

Gro5 O Grove (PO). Benavente Jareño, Pedro (2007).

Gro6 O Grove (PO). Meijide Prieto, Xosé (1986).

Gro7 O Grove (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Gro8 O Grove (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Gro9 O Grove (PO). García Moraña, Pilar (2004).

Gro10 O Grove (PO). Álvarez Prieto, Daniel (2004).

Gro11 O Grove (PO). Carniceiro de supermercado (2004).

Gro12 O Grove (PO). Otero Otero, Manuel (1990).

Grou San Mamede de Grou, Lobios (OU). Fernandes do Palheiro, Bieito (1997).

Grou2 San Mamede de Grou, Lobios (OU). FERNÁNDEZ SÁNCHEZ, Mª Teresa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Grou3 Grou, Lobios (OU). Francisco. TVG 22.10.2008 *Criaturas.*

Gry GRYGIERZEC, Wiktoria e FERRO RUIBAL, Xesús (2009): "Estereotipos na fraseoloxía: o caso galego-portugués" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11,2009,81-111.

Guamil Guamil, Baños de Molgas (OU). RIVAS QUINTAS, Elixio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Guarda A Guarda (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Gud. A Gudiña (OU). VÁZQUEZ SANTAMARÍA, Mª Ester (1971-1985): *El habla de La Gudiña.* Tese de Licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela, octubre 1971. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Gud2 A Gudiña (OU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba.* Universidad de Santiago de Compostela.

Gud3 A Gudiña (OU). PRIETO RODRÍGUEZ, Laureano (1948): "Cuentos de animales. La Gudiña e Orense" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* IV, 1948, 123-148.

Gud4 A Gudiña (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé: *O gando vacún no concello da Gudiña.* Mecanoscrito inédito e sen data. En parte reproduce en galego información que xa aparecera en castelán en Gud7 e, en parte, contén datos que aparecerían publicados posteriormente en Gud5. Baixo a sigla Gud4 neste libro só aparecen citados aqueles datos que só unicamente achega este mecanoscrito inédito e que non aparecen noutro ningún.

Gud5 A Gudiña (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

Gud6 A Gudiña (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Gud7 A Gudiña (OU). PRIETO RODRÍGUEZ, Laureano (1949): "Notas etnográficas sobre animales domésticos y salvajes de La Gudiña (Orense)" en *Douro-Litoral* 3ª série, V, 1949, 50-67.

Gud8 A Gudiña (OU). PRIETO RODRÍGUEZ, Laureano (1950): "A cantiga na Gudiña (Ourense)" en *Douro-Litoral* 4ª série, I, 1950, 84-98;II, 1950, 56-75.

Gud9 A Gudiña (OU). PRIETO RODRÍGUEZ, Laureano (1949): "As adiviñas na terra da Gudiña (Ourense) e no concelho de Vinhais (Tras os Montes)" en *Douro-Litoral* 3ª série, VI, 1949, 33-39.

Gud10 A Gudiña (OU). PRIETO, Marilena (1951): "Notas folklóricas de la Sierra Seca (La Gudiña-Orense)" en *Douro Litoral* 4ª série, III-IV, 1951, 129-153.

Gui. Guitiriz (LU). PENA SEIJAS, X. (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Gui2 Guitiriz (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba.* Universidad de Santiago de Compostela.

Gui3 Guitiriz (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Guil. Guillarei, Tui (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba.* Universidad de Santiago de Compostela.

Guil2 Arbelos, Guillarei, Tui (PO). MARTÍNEZ MARTÍNEZ, Manuel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Guilfrei Guilfrei, Becerreá (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba.* Universidad de Santiago de Compostela.

Guillar Guillar, Outeiro de Rei (LU): Informante anónimo do 'Refraneiro' de Vázquez Saco (1962).

Gun. Guntín (LU). RODRÍGUEZ GANDOI, E. (1985): en

GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía*. Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Gun2 Guntín (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Gunti. Guntimil, Xinzo de Limia (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Gust. Gustei, Coles (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

HB BIEDERMANN, H. (1993): *Diccionario de símbolos*. Ediciones Paidós, Barcelona-Buenos Aires-México; s.v. Cuernos.

Hermi. San Ciprián de Hermisende, Hermisende (ZA). RODRÍGUEZ CRUZ, José (2007): *Cultura e fala popular de San Ciprián de Hermisende. Unha achega etnográfica e léxica para o estudio do idioma galego en áreas periféricas da nosa comunidade.* Deputación de Ourense.

HH-MB HARGUINDEY, H. e BARRIO, M. (1999): *Antoloxía do conto popular.* Galaxia, Vigo Ver tamén **MB-EH**.

HOP OTERO PÉREZ, Hilda (1968): *Formaciones expresivas en gallego. I. Voces de animales.* Tesis de Licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela, octubre 1968.

Hos. O Hospital, Chamoso, O Corgo (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

HPP PÉREZ PLACER, H. (1901): *Veira do lar (Cuentos gallegos)* Santiago, Galí 1901. Cit. por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós.* Galaxia, Vigo 1976, 178.

HSB SA BRAVO, Hipólito de (1978): *Las Rutas del románico en la provincia de Pontevedra*. Caja Rural Provincial de Pontevedra, Pontevedra.

IAE ALONSO ESTRAVÍS, Isaac (1973): *Contos con reviravolta (Arando no amencer).* Edicións Castrelos, Vigo. Citado por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 2. Dos novecentistas aos nosos días.* Galaxia, Vigo 1978; 357-358.

IBA IBÁÑEZ FERNÁNDEZ, J. (1950): *Diccionario Galego da Rima e Galego Castelán.* Madrid. Engadimos tamén algunhas informacións procedentes dos inéditos que incorpora o *Diccionario de Diccionarios* de Antón Santamarina.

Ibias1 Villar de Cendias, Ibias (Oviedo). MENÉNDEZ GARCÍA, Manuel (1950): "Cruce de dialectos en el habla de Sisterna (Asturias)" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VI, 1950, 355-402.

Ibias2 Sisterna, Ibias (Oviedo). MENÉNDEZ GARCÍA, Manuel (1950): "Cruce de dialectos en el habla de Sisterna (Asturias)" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VI, 1950, 355-402.

Ibias3 Taladriz, Ibias (Oviedo). MENÉNDEZ GARCÍA, Manuel (1950): "Cruce de dialectos en el habla de Sisterna (Asturias)" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VI, 1950, 355-402.

Ibias4 Ibias (Oviedo). GUTIERREZ MARGARIDE, Ana María (1993): "Refrais, ditos e cancios da terra de Santiso de Abres" n'*A Freita* 3, 1993, 25-31.

IBP BLANCO PENEDO, I. e outros (2006): "Nuevos retos en la veterinaria de la ganadería ecológica en Galicia" en DÍEZ BAÑOS, Pablo e outros (eds.) (2006): *Veinte años de buiatría. Actas del XIV Congreso Internacional de la Federación Mediterránea de Sanidad y Producción de Rumiantes, Lugo-Santiago de Compostela, 12-15 de julio de 2006.* Universidade de Santiago de Compostela; 333-340.

ICONA BLANCO, Juan Carlos e GONZÁLEZ, José Luís (1992): *Libro rojo de los vertebrados de España.* ICONA, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Madrid.

IDP DÍAZ PARDO, Isaac (1956): *Unha presa de dibuxos feitos por Isaac Díaz Pardo de xente do seu rueiro. Edición limitada a 200 exemprares numarados e siñados todol'os dibuxos pol'o autor.* Ediciós Ars-novos, Buenos Aires, 1956 (sen paxinar). Citado por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa galega 2. Dos novecentistas aos nosos días.* Galaxia, Vigo 1978; 122-123.

IF IRMANDADES DA FALA (1933): *Vocabulario Castellano-Gallego.* La Coruña.

IK KAJANTO, Iiro (1965, 1982): *The Latin cognomina.* Societas Scientiarum Fennica. Commentationes humanarum litterarum. Helsinki, 1965. Citamos pola reimpresión de Giorgio Bretschneider, Roma 1982.

ILG VARIOS (1966 ss.): Documentación inédita dos arquivos do Instituto da Lingua Galega.

Illa Pedracerrada, Illa de Arousa (PO). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Illa2 Illa de Arousa (PO). OTERO MOLANES, Mª Concepción (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

IM MILLÁN, I. (1987): *Toponimia del Concejo de Pontedeume y Cartas Reales de su Puebla y Alfoz*. Excma. Diputación de La Coruña.

Incio O Incio (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Incio1 O Incio (LU). FOLE, Anxel (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Insua Ínsua, Taboada (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Insua1 Sonán, Ínsua, Taboada (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

IRINDO FEIXÓ CID, X.G. (Coord.) (1986): *Diccionario da lingua galega.* Ir Indo Edicións, Vigo.

Irixo O Irixo (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

ISB SALAZAR BELOQUI, Ignacio ([1994]): *Anatomía práctica del ganado vacuno con un apéndice de la inspección en mataderos.* Grass-Iatros, Barcelona.

JAD DURÁN, J.A. (ed.) (1976): *Castelao en el "El Sol". Edición*

y presentación de J.A. Durán. Akal Editor, Madrid.

JAPS PARGA SANJURJO, José Antonio (1911): "Cantares populares de Galicia" en *Boletín de la Real Academia Gallega* 42, 1911, 141-143; 43, 1911, 168-169. "Refranes gallegos" en *Boletín de la Real Academia Gallega* 46, 1911, 253-255.

JASA SACO Y ARCE, Juan Antonio (1987): *Literatura popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos. Recogidos por D. Juan Antonio Saco y Arce. Edición e estudio preliminar de Juan Luís Saco Cid*. Diputación Provincial de Ourense.

JASA2 SACO Y ARCE, Antonio (1890): "Refrás gallegos" n'*A Monteira,* 43 (341) - 59 (52), 1890. Facsímile Xunta de Galicia, Pontevedra 1989.

JASA3 SACO Y ARCE, J. A. (1967): *Gramática gallega.* Ed. de Gráficas Tanco, Orense.

JAV ARGUMOSA Y VALDÉS, J.A. (1951): *Plantas medicinales de Asturias*. Diputación de Asturias, Oviedo.

JBH BAÑA HEIM, José (1980): *Costa de la Muerte. Historia y anecdotario de sus naufragios*. Ed. O autor, La Coruña.

JBS SUÁREZ, José Bonifacio (1918): "Espiñas e froles" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 21.03.1918, 6.

JC-AG CHEVALIER J. e GHEERBRANT, A. (1982): *Dictionnaire des symboles.* Robert Laffont / Jupiter, Paris; s.v. Corne.

JC-PG CURT, José e GALÁN, Pedro (1982): *Esos anfibios y reptiles gallegos.* Ed. do autor, Pontevedra.

JCaPCARBALLAL PALMEIRO, Juan (1944): *Plan de mejora inmediata del ganado vacuno. Estudio sobre la instalación de industrias derivadas.* Imp. Palacios, Lugo.

JCB CARO BAROJA, Julio (1945): "El toro de San Marcos" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* I, 1944-1945, 88-121.

JCI CASTRO INSUA, Juan (1998): **"**Estimación del nitrógeno aportado por la ganadería en Galicia referido a la superficie agraria útil. Comparación con otras comunidades autónomas y países europeos" en *Actas de la XXXVIII reunión científica de la Sociedad Española para el Estudio de los Pastos. Reunión Científica (38ª. 1998. Soria)*. Universidad de Valladolid; 197-200.

JCP CUVEIRO PIÑOL, J. (1876): *Diccionario Gallego*. Establecimiento tipográfico de N. Ramírez y Cª, Barcelona.

JDR DIOGO RIBEIRO, J. (1928): *Turquel Folclórico*. Espozende, II, 12-13.

JdDGP GONZÁLEZ PIZARRO, Juan de Dios (1892): *Experiencias agrícolas llevadas a cabo en la Escuela de Veterinaria de Santiago e informe sobre ganaderia evacuado por el dicho centro a petición del Excmo. Ayuntamiento*. Esc. Tip. del Hospicio, Santiago de Compostela.

JdPB PUGA BRAU José de (1957-1958): "Allariz y el Corpus de Antaño" en *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Orense* 19, fasc. 1-4; 81-100.

JEC CIRLOT, J. E. (1992): *Diccionario de símbolos.* Editorial Labor, Barcelona; s. v. Cuernos.

JEFA FERREIRO ÁLVAREZ, José Elías (Xoel Ferral) (1966): *Tringueleos.* Editorial La Región, Orense.

JFN FERNÁNDEZ NEGRAL, J. (2002): "Las fábricas de curtidos en la Ría de Ferrol, 1783-1956" en *Cuadernos do Seminario de Sargadelos*, 90.

JFyN FERNÁNDEZ Y NEIRA, José (1810): *Proezas de Galicia explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote. Coruña, Imprenta de Vila.* Reproducímo-la edición de MARIÑO PAZ, Ramón e outros (2008): *Papés d'emprenta condenada. A escrita galega entre 1797 e 1846* (I). Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

JFV FILGUEIRA VALVERDE, José (1948): "Descripción del Reino de Galicia (1647)" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 3, 1948, 136-149. Véxase **XFV**.

JFVV FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, José I. (1996): "Aproximación a la 'roboratio', como contraprestación, en la documentación gallega medieval" en *Humanitas. Estudios en homenaxe ó Prof. Dr. Carlos Alonso del Real.* Universidad de Santiago de Compostela; 495-524.

JGM GARCÍA MOSQUERA, J. (1886): n'*A Gaita Gallega* 31.03.1886, 3.

JIR IGRESIAS ROURA, José (1918): "Tras do arado" *n'A Nosa Terra* 25, 20.07.1917; 5. Reproducido *en Nós. Páxinas gallegas do Diario da Cruña El Noroeste* 17.09.1918, 8. Ed. facs.: Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2001.

JJM MORALEJO, Juan J. (2003): *Callaica Nomina. Estudios de Onomástica gallega*. Fundación Pedro Barrié de la Maza. A Coruña.

JJN NUNES, J.J.O. (1926): "A fauna na toponímia portuguesa" en *Boletim de Segunda Classe da Académia das Ciências de Lisboa* XVI, 1926, 452-473.

JLAP ARMADA PITA, José Lois (1997): "O significado simbólico do touro e outros aspectos da religiom celta" en *Agalia* 50, 1997, 151-175.

JLL LUCAS LABRADA, José (1804-1992): *Descripción económica del reino de Galicia*. Ferrol. Citamos pola reedición da Biblioteca 114. El Correo Gallego e Consellería de Relacións Institucionais. 1992.

JLPC PÉREZ DE CASTRO, José Luis (1963): "Dialogismos en el refranero asturiano" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, XIX, 1963, 116-138. Véxase tamén **Bable.**

JLPT1 PENSADO TOMÉ, José Luís (1974): *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*. Galaxia, Vigo.

JLPT2 PENSADO TOMÉ, José Luís (1985): *El Gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos.* La Voz de Galicia, A Coruña.

JLPT3 PENSADO TOMÉ, José Luís (1991): "Aldeas que no quisieron ser gallegas" en *Galicia en su lengua y sus gentes (Ensayos).* La Voz de Galicia, La Coruña 1991, 287-289; "Topónimos marginados" *Ibidem* 283-285.

JLPT4 PENSADO TOMÉ, José Luís (1986): "O esterco de folla..." en *La Voz de Galicia* 21.09.1986.

JLPT5 PENSADO TOMÉ, José Luís (1990): "Leyendas sobre la Catedral de Santiago" en *La Voz de Galicia* 13.04.1990.

JLPT6 PENSADO, José Luís (1995): "Vellos refráns galegos sobre o leite" en LIÑARES GUIRAUT, Amancio (ed.) (1995): *Feiraco e o Val de Barcala. Un camiño de progreso*. Feiraco S. Coop. Ltda., Negreira, 240-241.

JLPT7 PENSADO TOMÉ, José Luís (1991): "Nuestros visitantes y nuestras gentes*" en La Voz de Galicia*.

JLPT8 PENSADO TOMÉ, José Luis (XV - 2004): *Tratado de Albeitaria. Introdución, transcrición e glosario de José Luis Pensado Tomé. Revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala.* Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela.

JM MARAGALL, Joan (1918): "A vaca cega" (trad. de Iglesias Roura) en *Nós. Páxinas gallegas do Diario da Cruña El Noroeste* 12.11.1918, 40. Ed. facs.: Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2001.

JMA ADRIÃO, Jose Maria: "Retalhos de um adagiário. XXI. Falar francês como uma vaca espanhola" en *Revista Lusitana* XX,1917,309-310.

JMB BOUZAS, José Manuel e outros (2002): *Cándido Fernández Mazas. Vangarda, militancia e esquecemento 1902-1942*. Fundación Caixa Galicia.

JMG GONZÁLEZ, José Manuel (1957): "'El guoy muortu', estudio toponímico", en *Archivum*, 7, 1957, 189-204. Universidad de Oviedo.

JMI IRIBARREN, José María (1994): *El porqué de los dichos.* Gobierno de Navarra, Pamplona.

JML LARRAYA, José Miguel (2007): "La fiesta nacional" en *El País* 29.08.2007.

JMLA LÓPEZ ANDIÓN, José Manuel e PÉREZ IGLESIAS, María Luisa (1998): "Las Explotaciones de ganado vacuno en Galicia. Evolución reciente, especialización productiva y contrastes territoriales" en *Coloquio de Geografía Rural (9º. 1998. Vitoria-Gasteiz). Comunicaciones.* Grupo de Trabajo de Geografía Rural, Asociación de Geógrafos Españoles. Departamento de Geografía, Prehistoria y Arqueología, Universidad del País Vasco, Vitoria; 439-447.

JMLA2 LÓPEZ ANDIÓN, José Manuel e PÉREZ IGLESIAS María Luisa (2002): "La Ganadería bovina en Galicia a finales del siglo XX. Distribución espacial y condicionantes geográficos" en FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo e outros (eds.) (2002): *UNIVERSITAS. Homenaje a Antonio Eiras Roel.* Universidade de Santiago de Compostela; 2, 321-337.

JMP PINTOS, Juan Manuel (1992): *Vocabulario Gallego-Castellano.* Edición a cargo de Marga Neira e Xesús Riveiro Anexo 5 de *Cadernos de Lingua* 1992.

JMPG PÉREZ GARCÍA, J. M. (1982): "Niveles y transformaciones de la ganadería de Galicia en el siglo XVII" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXXIII, 1982, 87-177.

JMPiel1 PIEL, Joseph M. (1978): "Quatro topónimos galegos: Becerreá, Bicerreán, Bacurín, Bacorelle, e a etimologia de becerro e bácoro" en *Grial* 62, 1978, 411-415.

JMPiel2 PIEL, Joseph M. (1982): "Respiga de antropo-toponimia galega de origem latina" en *Verba* 9, 1982, 125-151.

JMPiel3 PIEL, Joseph M. (1979): "Sobre miragens de pré-história onomástico-lexical galega, a propósito do gal. 'Becerreá'" en *Grial* 64, 1979, 129-139.

JMVV VÁZQUEZ VARELA, J.M.: *Gran Enciclopedia Gallega* s.v. *aparición*.

JPB PÉREZ BALLESTEROS, José (1885-1886): *Cancionero popular gallego y en particular de la provincia de la Coruña.* Biblioteca de las Tradiciones Populares Españolas VII, 1885; IX, 1886; XI, 1886 Reed. facs. Akal, Madrid 1979. Os números I, II, III da sigla indican o tomo.

JPB1 P[ÉREZ] BALLESTEROS, X. (1885): "Cantares" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 108, 13.12.1885, 7.

JPB2 PÉREZ BALLESTEROS, José (1919): "¡Bo lagarto!" en *Nós. Páxinas gallegas do Diario da Cruña El Noroeste* 25.02.1919, 100. Ed. facs. da Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2001.

JPG PALLARES Y GAYOSO, Juan (1700): *Argos Divina Sancta María de Lugo de los Ojos grandes, Fundación, y Grandezas de su Iglesia, Sanctos naturales, Reliquias, y Venerables Varones de su Ciudad, y Obispado, Obispos y Arçobispos que en todos Imperios la gouernaron / obra postvma, compuesta por... Iuan Pallares y Gaioso... En Santiago: en la Imprenta de Benito Antonio Frayz, 1700*. Reed. facsímile Editorial Albarellos, Santiago 1988.

JRC ROF CODINA, Juan (1936): "Ganadería" en *Geografía General del Reino de Galicia*. Dirigida por F. Carreras y Candi; volumen I. *Generalidades*, tomo 1º, 329-397. Edición facsímile de Ediciones Gallegas, La Coruña 1980.

JRC1 ROF CODINA, Juan (1920): *Abastecimiento de carnes y organización racional de los Concursos de ganados en Galicia.* Pap. y Tall.de Imp. Garcybarra, La Coruña.

JRC2 ROF CODINA, Juan (1921): "Galicia pecuaria: el Tercer Concurso de Ganados de Neda" en *Eco de Galicia.* La Habana 1917. 5, 158 (18 dic. 1921); 18-19.

JRC3 ROF CODINA, Juan (1929): "Galicia pecuaria. La ganadería en la región y sus industrias derivadas" en *Calendario gallego*. 1929. Editorial Céltiga, Buenos Aires (6 pp. sen numerar).

JRC4 ROF CODINA, Juan (1932): "Industrias pecuarias. La manteca gallega" en *La Semana Veterinaria. Boletín profesional de la 'Revista de Higiene y Sanidad Pecuaria'* XVI, 829, 13.11.1932; 775-777.

JRC5 ROF CODINA, Juan (1933?') *Cooperativismo pecuario. Cuarta y quinta conferencia sobre el tema pronunciadas en Unión Radio los días 4 y 7 de diciembre.* Imprenta Viuda de M. de Navarro, Madrid.

JRC6 ROF CODINA, Juan (1934): "Galicia pecuaria, enseñanzas de la estadística" en *Eco de Galicia* (La Habana, 1917). 18, 371 (15 jun. 1934); 6.

JRC7 ROF CODINA, Juan (1934): "Máximas" en *Faro Villalbés* 3,[60], oct. 1934;2. Reproducido en JRC2: 19,376,1.1.1935;31

JRCor RODRÍGUEZ CORRAL, Javier (2009): *A Galicia castrexa*. Edicións Lóstrego, Santiago.

JRF RAMÓN Y FERNÁNDEZ, José (1947): "Feirantes" en PORTELA PAZ, A.: *Pontevedra, boa vila.* Pontevedra 1947; (sen paxinar). Ese mesmo texto, con lixeiras variantes nos nomes de persoa e lugar, xa o publicara o autor co título "Deliraba" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 42, 7.11.1918, 4-5, asinado por Xan Fouciño (Ver **XF**).

JRL RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús (1974): *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares.* Ed. Celta, Lugo.

JRL2 RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús (1899): *A cruz de salgueiro e outros relatos.* Imp. de El Regional , Lugo 1899. Reedición Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela 1997.

JSG SANTIAGO Y GÓMEZ, J. de (1918): *Filología de la Lengua Gallega.* El Eco Franciscano, Santiago.

JVP VALLEDOR PUENTE, Javier (1999): "Experiencia gandeira" en *Feiraco* 26, marzo-abril 1999, 6-7.

JZS ZEA SALGUEIRO, Jaime (1986): "Posibilidades de la ganadería gallega para producción de carne en relación con algunos paises de la CEE" en *III Xornadas de Estudo sobor do Tema Producciónss Gandeiras de Galicia celebradas na Escola de Enxeñería Agrícola de Lugo, en Maio de 1985, organizadas pola Área de Ciencias Agrarias do Seminario de Estudos Galegos.* Ediciós do Castro, Sada 1986, 231-241.

KHR RÖDER, K.H. (1975): "Sacerdote, herrador, veterinario. Semblanza de una profesión" en *Panorama Veterinario* julio 1975, 357-360.

LAC AMADO CARBALLO, Luís (1921): "O culto da Vaca Astral en Galicia" n'*A Nosa Terra* 141, 31.5.1921, 7; "Do culto d'a Vaca Astral en Galizia" n'*A Nosa Terra* 153, 15.12.1921, 2-3.

LAC2 AMADO CARBALLO, Luís (2001): *Proel. O Galo.* Biblioteca Galega 120. La Voz de Galicia.

Lagar. Lagartóns, A Estrada (PO). PÁJARO PÁJARO, Xosefina (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Lago Lago, Valdoviño (C). DOCE LAMAS, M. Anxos (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Lagoa Rizal, Lagoa, Alfoz (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba.* Universidad de Santiago de Compostela 1977 e "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

Laiosa Laiosa, O Incio (LU). CORTIÑAS MARTÍNEZ, M. Delia (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Lal1 Lalín (PO). Chamorro González, Gonzalo (1986).

Lal2 Lalín (PO). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Lal3 Lalín (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Lal4 Lalín (PO). Crespo Rodríguez, M. Dores (1986).

Lal5 Lalín (PO). Cabeza de León, Salvador.

Lama A Lama (PO). Cao Grossi, Fernando (1986).

Lama2 A Lama (PO). MORGADE, Xosé Carlos (1996): *A Lama. Libro de cantigas.* Concello da Lama.

Lama3 A Lama (PO). LIS QUIBÉN, Víctor (1952): "El conjuro de la tronada en Galicia" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* 8, 1952, 471-493.

Lama-B Lama Má, Baños de Molgas (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Lamas Lamas, Xinzo de Limia (OU). CAO GONZÁLEZ, M. Isabel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Lamas2 Lamas, Xinzo de Limia (OU). CASARES MOURIÑO, Carlos (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

LamasC Lamas, Cospeito (LU). LÓPEZ GÓMEZ, Purificación (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

LamasM Porteliña, Lamas de Moreira, A Fonsagrada (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Lampón Cobo, Lampón, Boiro (C). REY ÁLVAREZ, Alfonso (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Lan. Láncara (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Lan2 Láncara (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba.* Universidad de Santiago de Compostela.

Lan3 Láncara (LU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Lañas Lañas, Arteixo (C). VÁZQUEZ SÁNCHEZ, Manuela (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Laraxe Laraxe, Cabanas (C). OLIVEIRA SANTOS, M. Tareixa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Laraxe2 Relouxada, Laraxe, Cabanas (C). Calvo Feal, Evaristo.

Larou. Larouco (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Lava. Lavacolla, Sabugueira, Santiago de Compostela (C). MARÍN SUÁREZ, María A. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Laxe Laxe (C). MORANDEIRA LORES, M.J. (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Laxe2 Laxe (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Laxosa Laxosa, O Corgo (LU). REIJA MOURENZA, M. Pilar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Laza Laza (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Laza2 Alberguería, Laza (OU). Rodríguez Janeiro, Milagros (1986).

LC CASTAÑÓN, Luciano (1972): "Apuntes folklóricos sobre la vaca en Asturias" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXVIII, 1972, 291-315.

LC1 CASTAÑÓN, Luciano (1972): "Referencias a la vaca en la literatura asturiana, sus nombres" en *Archivum* XXII, 1972,211-223. http://dialnet.unirioja.es/servlet/fichero_articulo?codigo=864745> [22/01/2010].

LCA CARRÉ ALVARELLOS, L. (1972-1985): Cit. por CRESPO POZO, José-S.: *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada

1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

LCA1 CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1928): *Diccionario Galego-Castelán e Vocabulario Castelán-Galego.* A Coruña. Engadimos tamén algunhas informacións procedentes dos inéditos que incorpora o *Diccionario de Diccionarios* de Antón Santamarina.

LCA2 CARRÉ ALVARELLOS, Leandro (1961): *Diccionario.* Citado no Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

LCA3 CARRÉ ALVARELLOS, L. (1964): "As feiras na Galiza" en *Revista de Etnografia* 3, 1964, 97-124.

LCA4 CARRÉ ALVARELLOS, L. (1967): *Gramática gallega.* Imprenta Moret, A Coruña.

LCA5 CARRÉ ALVARELLOS, L. (1976): Información procedente do Arquivo da Real Academia Galega (Caixa de Leandro Carré Alvarellos).

LCA6 CARRÉ ALVARELLOS, L. (1975): *Nos picoutos de Antoín.* Ediciós do Castro 1975, 9-15. Citado de CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós.* Galaxia, Vigo 1976, 331-332.

LCA7 CARRÉ ALVARELLOS, Loís (1968): *Contos populares da Galiza*. Museu de Etnografia e História. Junta Distrital do Porto.

LCorral CORRAL, Luís (1846): Citado por DE LA IGLESIA, Antonio (1886): *El idioma gallego. Su antigüedad y vida*. Latorre y Martínez editores, La Coruña; 1, 173-174.

LD-MP LUQUE DURÁN, J. de D. e MANJÓN POZAS, F. J. (1998): "Fraseología, metáfora y lenguaje taurino" en LUQUE DURÁN, Juan de Dios e PAMIES BERTRÁN, Antonio (eds.) (1998): *Léxico y fraseología*. Granada: Método ediciones, Universidad de Granada, 43-70.

Lea Castro de Ribeiras de Lea, Castro de Rei (LU). EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (2000): *Anacos da nosa cultura. Refráns, adiviñas, lendas... Celebracións e oficios... Aparellos* ... C.E.I.P. Veleiro do Campo (Castro de Ribeiras do Lea). Curso 95/96 - 96/97. Citania Publicacións, Lugo 2000.

Leir-A Francos, Leiro, Abegondo (C). DEIBE DAPENA, Leonor (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Leiro Leiro (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Leiro1 Leiro (OU). Santiago Blanco, Xosé Luís.

Leis Leis, Muxía (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Lemos1 .Terra de Lemos (LU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Lemos2 .Terra de Lemos (LU). SACO, Cesáreo (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Lendo Samiráns, Lendo, A Laracha (C). QUEIPO BURÓN, Saturnino (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Lérez Lérez, Pontevedra (PO). Ferro Ruibal, Xesús (2005).

Les. Lesende, Lousame (C). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Lestón Centulle, Lestón, A Laracha (C). CAAMAÑO GABÍN, Clemencia (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

LF LUGRÍS FREIRE, M. (1931): *Gramática do idioma galego.* Impr. Moret, A Cruña.

LG GIADÁS, Luís (1998): "O mundo-vaca en Galicia", "Volvendo ás vacas" e "Na despedida das vacas" n'*O Correo Galego* 15.03.1998, 26.04.1998 e 10.05.1998.

LGF GIL FERNÁNDEZ, Luís (1969): *Therapeia. La medicina popular en el mundo clásico*. Madrid, Guadarrama.

LGV LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, Pilar (1976): *Tumbos del Monasterio de Sobrado de los Monjes.* Ed. de LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, Pilar; Archivo Histórico Nacional, Madrid.

LII IGLESIAS IGLESIAS, Luís (1927): "Aves de Galicia" en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* I, 1927, 251-262. Reed. facsím. Ediciones Boreal, La Coruña 1989.

Lim1 .Terra da Limia (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Lim2 .Terra da Limia (OU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Lim3 .Terra da Limia (OU). SANTOS ALONSO (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Lim4 .Terra da Limia Baixa (OU). Lorenzo Fidalgo, Agostiño (1986).

Lim5 .Terra da Limia Alta (OU). Lorenzo Fidalgo, Agostiño (1986).

Lim6 .Terra da Limia (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1985): *A Limia: Val da Antela e Val do Medo.* Diputación Provincial de Ourense.

LimiaB .Terra da Limia Baixa (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Xoaquín (1973): *Cantigueiro popular da Limia Baixa* Penzol - Galaxia, Vigo.

Liñ. Liñeiras, Santalla de Oscos (Oviedo). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Lira Lira, Carnota (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

LLB LEMA BOUZAS, Lino (1993): *Ditos e cantigas mariñeiras.* Museo do Pobo Galego e outras entidades, Santiago.

LM LESTA MEIS, X. (1926): "Manecho o da Rúa" en *Lar* 17,1926,37-39. Cit. por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 1. Desde os*

primeiros oitocentistas ao grupo Nós. Galaxia, Vigo 1976, 318.

Lobe. Lobeira (OU). TABOADA, Carolina (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Lobe2 Lobeira (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Lobi. Lobios (OU). FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, Bieito (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Lobi1 Lobios (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1929): "Algunhas verbas d'usanza corrente en Lovios (Ourense)" en *Nós* 71, 1929, 205-206.

Lobi2 Lobios (OU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

LOliveira (2009): LEITE DE OLIVEIRA, Maria do Carmo.

Lou. Louredo, Mos (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Lourei. Loureiro, Cotobade (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Lourei2 Loureiro, Cotobade (PO). VIDAL MEIJÓN, Ana (1994): *Contribución ó estudio do léxico de Loureiro (Cotobade).* Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela, setembro 1994.

Loures. Loureses, Aguís, Os Blancos (OU). MANDIANES CASTRO, Manuel (1984): *Loureses. Antropoloxía dunha parroquia galega.* Galaxia, Vigo.

Louri. Lourizán, Pontevedra (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Louro Louro, Muros (C). Rodríguez Álvarez, Manuel.

Lous. Lousame (C). CEPEDA IGLESIAS, María C. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Lousa. Lousada, Samos (LU). Villaravid Diéguez, Saladina (2000).

Lousado Lousado ¿Piñor? ¿O Irixo? (OU). BERNÁRDEZ SAMPAYO, Josefa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega. Existe un Lousado, lugar da parroquia de Loureiro (O Irixo) e outro da parroquia de Lueda (Piñor).

LP PRIETO, Laureano (2000): Citado por RODRÍGUEZ CRUZ, X.: *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

LP2 PRIETO, Laureano (1978): "Contos de cregos" en *Boletín Auriense* VIII, 1978, 13-48.

LP3 PRIETO, Laureano (1977-2007): "Coplas populares" en VIEITO GARCÍA, José (coord. e ed.) (2007): *Coplas nosas que don Laureano recadou.* CPI Laureano Prieto (Equipo de Normalización Lingüística), A Gudiña.

LP-TMP L.P. (1877): "Cartiñas o Tio Marcos" n'*O Tio Marcos da Portela* 44, 6.5.1877, 176.

LRR Rodríguez Rodríguez, Luís (2001): *Matías López y López, espejo de empresarios.* La Voz de Galicia, A Coruña.

LS SEOANE, Luís (1951): *O bispo Adaulfo. Ilustración en Catro poemas galegos. Música por Julián Bautista. Poemas por Lorenzo Varela. Grabados por Luís Seoane. English version by William Shand.* Editorial Argentina de Música, Buenos Aires. Reedición facsimilar con prólogo de X.L. Axeitos en Ediciós do Castro, Sada 2004.

LSG SÁNCHEZ GARCÍA, Luciano (1978): *Raza vacuna Rubia Gallega.* Asociación Nacional de Criadores de Ganado Vacuno Selecto de Raza Rubia Gallega.

LT1 LÓPEZ TABOADA, Carme (1995): *Do falar e do escribir.* Fontel Edicións, A Coruña.

LT2 LÓPEZ TABOADA, Carme e SOTO ARIAS, Mª do Rosario (1995): *Así falan os galegos. Fraseoloxía da lingua galega.* Galinova, A Coruña.

Luar Anónimo. Información oral recollida dalgún participante nese programa da TVG. Indícase a data.

Luarca Luarca (Oviedo). GARCÍA SUÁREZ, Alfredo (1950): "Contribución al léxico del asturiano occidental" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VI/2, 1950, 264-300.

Lubián Lubián (ZA). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Lucí A Ramallosa, Lucí, Teo (C). ABECIA ALONSO, Xosé M. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Lugo Lugo (LU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Lugo1 Lugo (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Lugo2 Lugo (LU): Informantes anónimos do 'Refraneiro' de Vázquez Saco (1962).

LV1 VARELA, Lorenzo (1951): *Catro poemas galegos. Música por Julián Bautista. Poemas por Lorenzo Varela. Grabados por Luís Seoane. English version by William Shand.* Editorial Argentina de Música, Buenos Aires. Reedición facsimilar con prólogo de X.L. Axeitos en Ediciós do Castro, Sada 2004.

LV2 VARELA, Lorenzo (1954): *Lonxe.* Ed. Botella al mar, B. Aires. Citamos pola edición de X. Carlos López Bernárdez (1990): *Poesía galega.* Xerais, Vigo, 74-75.

Maceda Maceda (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Maceda1 Maceda (OU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

Maceda2 Maceda (OU). Movilla, Consuelo (1986).

Maceda3 Maceda (OU). Aldemira Requejo, Mª Carmen (1986).

Macedo Macedo, San Martiño de Condes, Friol (LU). RAMOS DE CASTRO, Epifanio (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Macei. Maceiras, Carnota (C). CARBÓN LÓPEZ, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Made. Maderne, A Fonsagrada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela.

MAGD GARCÍA-DORY, Miguel Ángel (1986): "Las razas

bovinas autóctonas de España están en vías de extinción" en *Quercus* 23, Otoño 1986, 14-21.

Maía .Val da Maía (C). LORENZO VÁZQUEZ, Ramón (1969): "Contribución al léxico gallego: Palabras de Amaía y aledaños" (I) en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXIV, 72-73-74, 1969, 172-193; (II) en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXV/3-4, 1969, 211-250.

Maía2 .Val da Maía (C). LORENZO VÁZQUEZ, Ramón (1962-1964): "Estudios etnográfico-linguísticos sobre La Mahía y aledaños" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 17, 1962 49-67; 18, 1963, 129-147; 19, 1964, 10-64.

Malpi. Malpica de Bergantiños (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Malvas Malvas, Tui (PO). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

MAM AMOR MEILÁN, Manuel (1888): "A cunca d'o leite", n'*O Tío Marcos d'a Portela* 12.02.1888, 2.

MAM2 AMOR MEILÁN, Manuel (1889-1998): "Antre os pinos" en *Baixo do alpendre e outros relatos.* Col. Narrativa recuperada. Xunta de Galicia. Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela 1998, 144-147.

MAML MURADO LÓPEZ, Miguel-Anxo (1995): "Os froitos da vaca sagrada" en *Galicia Internacional* 5, setembro 1995, 80-81.

Manduas Bravil, Manduas, Silleda (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. Universidad de Santiago de Compostela. Aníbal Otero escribe "Brebil".

Manduas2 Manduas, Silleda (PO). Martínez Fernández, Nieves.

Manduas3 A Bandeira, Manduas, Silleda (PO). Abajo, Benjamín.

Manza. Manzaneda (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

Marín Marín (PO). PÉREZ CID, Ramón (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Marín1 Marín (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Marín2 Marín (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Marín3 Marín (PO). Ferro Ruibal, Xesús (1993).

Marín4 Marín (PO). Otero Cupeiro, Adriana (1993).

Marín5 San Pedro, Marín (PO). Aldao González, Ainhoa (1993).

Marín6 RIVAS QUINTAS, E. (1982): *Toponimia de Marín.* Anexo 18 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela.

Marín7 RODRIGUEZ ROSALES, Mª Jesús e RODRÍGUEZ, Manuel (2008): *A nosa memoria.* Concello de Marín.

Martín Martín, Baleira (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. *Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Martín2 Murias, Martín, Baleira (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

MB BREA, M. (1980): "Denominaciones gallegas de la 'hoja del pino'" en *Verba* 7, 1980, 51-74.

MB2 BREA, Mercedes (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa* I e II. Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela. Ver tamén **MedDB**.

MB-EH BARRIO, Maruxa e HARGUINDEY, Enrique (1983): *Contos Populares.* Galaxia, Vigo. Ver tamén **HH-MB**.

MC CAJARAVILLE, M. (1983): *Debullando folklore.* La Voz de Galicia, La Coruña.

MCEa CURROS ENRÍQUEZ, Manuel (1897): "Duas palabras ô leutor" en ARMADA, R. (1898): *Aturuxos. Coleución de cantares gallegos por Ramón Armada Teixeiro. Prólogo de Manuel Curros Enríquez.* Imp. y Papelería 'La Universal', Habana. Reedición facsímilar Centro Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela 2002 (O prólogo de Curros está asinado na Habana, mes de santos de 1897).

MCEb CURROS ENRÍQUEZ, Manuel (1886): *Aires da miña terra* (3ª ed. correxida e aumentada) Ed. Martínez Salazar, Biblioteca Gallega, La Coruña.

MCM CHOUZA MATA, Manuel e CID GONZÁLEZ, Roxelia (1985): *As árbores.* Museo do Pobo Galego, Santiago.

MCN CASADO NIETO, Manuel (1983): *Refendas de vida e morte.* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 64).

MCN2 CASADO NIETO, Manuel (1980): *A boda do Reimundo.* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 59).

MCouso Santa María de Couso, A Estrada (PO). (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

MCRP RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de Verba (Invertebrados y peces); *Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

MdP1 MAURO D'O PEREIRO (1877): "Xan d'Arzua. Tradición" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 38, 25.03.1877, 150-151.

MdP2 MAURO D'O PEREIRO (1877): "O meu amigo Tio Marcos" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 42, 22.04.1877, 166-167.

MdP3 MAURO D'O PEREIRO (1877): "O Tio Marcos d'a Portela" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 58, 12.08.1877, 231.

Meaño As Covas, Meaño, Meaño (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Meaño2 Meaño (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba*. *Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Meaño3 Meaño (PO). Serantes Torres, Ramón (1995).

Meda Córneas, Meda, Castroverde (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

MedDB MedDB2: *Base de datos da Lírica Profana Galego-Portuguesa.* [Versión 2.0.2 Beta Maio de 2008] [http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=MEDDB2]. Ver tamén **MB2**.

Mede. Medeiros, Monterrei (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Medín Medín, O Pino (C). SOUTO NEGRETE, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Meir. Meirás, Valdoviño (C). ALONSO FERRER, Matilde (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Meira1 Meira (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Meira2 Meira (LU). GONZÁLEZ DORREGO, M. Xosefa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Meira3 Riucabo, Meira, Meira (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Meira4 Meira (LU). OTERO SANDE, Mª Teresa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

MeiraM Couso, Meira, Moaña (PO). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Meiroi Meiroi, San Xurxo de Piquín, Ribeira de Piquín (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Meis As Quintáns, Meis, Meis (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Mel1 Melide (C). FRAGA GARCÍA, Ramón (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Mel2 Melide (C). VARIOS (1933): *Terra de Melide.* Seminario de Estudos Galegos, Compostela.

Mel3 Melide (C). Martínez González, Marta.

Mel4 Melide (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Melias Melias, Coles (OU). ARRUÑADA RODRÍGUEZ, Beatriz (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Melón Melón (OU). Ferro Ruibal, Xesús (2000).

Mens Mens, Malpica de Bergantiños (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Mera Mera, Oleiros (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Merca A Merca (OU). ARAÚJO IGLESIAS, Miguel Anxo (1997): *A Merca. Antropoloxía dun concello galego.* Ir Indo, Vigo.

Merza Merza, Vila de Cruces (PO). Carballude Blanco, José (2000).

Mestre Mestre, San Xurxo de Piquín, Ribeira de Piquín (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Mez. A Mezquita (OU). TABOADA CID, Manuel (1971-1985): *Vocabulario y notas etnográficas de La Mezquita.* Tese de Licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela, febreiro 1971. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela. Incluímos algunha pequena información que Manuel Taboada deixou, como traballo de curso, no arquivo do ILGa referente tanto ó concello de Verín, como ó de Castrelo do Val, Monterrei e ó lugar de Manzalvos (A Mezquita).

Mez1 TABOADA CID, Manuel (1978): "Algunos aspectos de la vida material y espiritual de A Mezquita" en *Boletín Auriense* VIII, 1978, 107-166.

Mez2 A Mezquita (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Mez3 A Mezquita (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

MFC FERNÁNDEZ CERVIÑO, María Xosé, LAMELA VILLARAVID, Carme e COSTA PÉREZ, Delio (1996): *A nosa tradición oral. Guía didáctica.* Santiago de Compostela. Museo do Pobo Galego.

MFIA FERNÁNDEZ, María Sonsoles e ARREDONDO, Isabel (1986): "Los nombres de la vaca con manchas en diversos ámbitos españoles" en *Archivo de Filología Aragonesa* XXXVI-XXXVII, 1985-86:573-607, 16 mapas.

MG-FC GARCÍA, Mariano e CASALDERREY, Fina (1994): *Festas gastronómicas de Galicia* Xerais, Vigo.

MGG:ALG GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (coord.) GARCÍA, Constantino e SANTAMARINA, Antón (dirs.). (1999): *Atlas Lingüístico Galego, III: Fonética.* Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña.

MGG( ) GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980): Información procedente de diversas teses de doutoramento e de licenciatura incluídas en *MGG: O xugo e o carro.* Neste caso indícase o topónimo entre parénteses.

MGG GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980): *O xugo e o carro.* Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela. Curso 1979-1980. Tese de doutoramento. Inédita.

MGG:A1 Salave, Tapia de Casariego (Oviedo). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980): *O xugo e o carro.* Facultade de Filoloxía. Universidade de Santiago de Compostela. Curso 1979-1980. Tese de doutoramento. Inédita.

MGG:A2 Coaña (Oviedo). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:A3 Porzún, Piantón (Oviedo). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:A4 Boal (Oviedo). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:A5 Vilanova de Oscos (Oviedo). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:A6 Pesoz (Oviedo). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:A7 San Antolín, Ibias (Oviedo). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C1 O Barqueiro, Mañón (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C2 Chímparra, Cervo, Cedeira (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C3 San Claudio, Ortigueira (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C4 Meirás, Valdoviño (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C5 San Ramón, San Xoán de Moeche, Moeche (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C5.a San Sadurniño (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C6 Espiñaredo, As Pontes (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.* Manuel González considerou esta localidade como do concello da Capela; pero no nomenclátor actual non figura, polo que é posible que se refira ó lugar do mesmo nome do concello estremeiro das Pontes de García Rodríguez.

MGG:C6.a A Capela (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C7 San Cristovo, Brión, Ferrol (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C7.a Serantes, Ferrol (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C7.b A Gándara, Narón (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C8 Cervás, Ares (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C8.a Mugardos-Ares, Mugardos (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.* Conservamos esta denominación tal como a recibimos do noso informante.

MGG:C9 Pontedeume (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C10 Carnoedo, Sada (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C11 Mesoiro, Ouces, Bergondo (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C11.a Culleredo (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C11.b Suevos, Arteixo (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C12 Barizo, Malpica de Bergantiños (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C12.a Malpica de Bergantiños (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C13 Xermaña, Caión, A Laracha (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C14 O Xestal, San Fiz, Monfero (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C15 Betanzos (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C15.a Paderne (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C16 Ponteceso (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C17 Traba, Laxe (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C17.a Laxe (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C18 Sísamo, Carballo (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C18.a Razo, Carballo (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C19 Carral (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C19.a Cambre (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C20 Aranga (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C20.a Feás, Aranga (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C21 Xaviña, Camariñas (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C21.a Camariñas (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C22 O Ceán, Bamiro, Vimianzo (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C23 Rodís, Cerceda (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C23.a Cerceda (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C24 Os Muíños, Moraime, Muxía (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C24.a Toba, Cee (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.* Manuel González considerou esta localidade como do concello de Muxía; pero no nomenclátor actual non figura, polo que é posible que se refira ó lugar do mesmo nome do concello estremeiro de Cee.

MGG:C25 Xanceda, Mesía (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C26 Mezonzo, Vilasantar (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C26.a Curtis (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C27 Santa Comba (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C28 Sobrado (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C29 Salgueiros, Dumbría (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C29.a Cee (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C29.b Dumbría (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C30 Bembibre, Val do Dubra (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C30.a Portomouro, Val do Dubra (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C31 Deixebre, Oroso (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C31.a Sigüeiro, Oroso (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:C31.b Trazo (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C32 A Lamea, Ordes, Toques (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C33 A Picota, San Xoán de Mazaricos, Mazaricos (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C34 San Salvador de Duio, San Vicenzo de Duio, Fisterra (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C35 Santiago de Compostela (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C35.a Lavacolla, Sabugueira, Santiago de Compostela (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C35.b Montouto, Santiago de Compostela (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C36 Pezobrés, Santiso (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C36.a Arzúa (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C36.b Melide (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C37 San Mamede, Carnota (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C38 A Serra de Outes, San Pedro de Outes, Outes (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C38.b Pesaduira, Alvite, Negreira (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C39 Ortoño, Ames (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C39.a Bertamiráns, Ortoño, Ames (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C39.b Brión (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C40 Novefontes, Touro (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C40.a Ferreiros, O Pino (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.* Supoñemos que este Ferreiros é a parroquia do concello do Pino, limítrofe co de Touro que ten a sigla C40, que é a máis próxima, tal e como Manuel González explica na p. 7 do tomo 1.
MGG:C41 Santa María de Roo, Noia (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C41.a Noia (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C42 Cacheiras, Teo (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C42.a Teo (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C43 Louro, Muros (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C44 Santa Cruz de Ribadulla, Vedra (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C44.a Vedra (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C45 Nebra, Porto do Son (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C46 Vigo, Dodro, Dodro (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C46.a Padrón (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C47 Rianxo (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C48 Cabo de Cruz, Boiro (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C49 Aguiño, Ribeira (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:C49.a Ribeira (C). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L1 Vieiro, Viveiro (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L2 Cervo (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L3 Ourol (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L4 Rinlo, Ribadeo (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L4.a Cedofeita, Ribadeo (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L5 Ferreira, O Valadouro (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L6 San Cosme de Barreiros, Barreiros (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L6.a Benquerencia, Barreiros (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L6.b Foz (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L7 Muras (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L8 Trabada (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L9 Lindín, Mondoñedo (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L9.a Zoñán, Os Remedios, Mondoñedo (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L10 Candamil, Xermade (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L10.a Lousada, Xermade (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L11 Goiriz, Vilalba (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L11.a Oleiros, Vilalba (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L12 Loboso, A Pastoriza (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L13 Vilarmide, A Pontenova (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L14 Seixas, Cospeito (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L15 Meira (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L16 O Trobo, A Fonsagrada (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L17 Guitiriz (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L17.a Parga, Guitiriz (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L18 Viladonga, Castro de Rei (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L18.a Ramil, Castro de Rei (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L19 Negueira de Muñiz (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L20 Friol (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:L20.a Anxeriz, Friol (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.* Manuel González refírese a esta localidade como Enxariz, forma que seguramente espella mellor a pronuncia real.
MGG:L21 O Cádavo, A Esperela, Baleira (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L21.a Castroverde (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L22 Santa Comba, Santa Comba, Lugo (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L23 Rao, Navia de Suarna (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L23.a Paradela (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L24 Guntín (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L25 Baralla (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L26 A Pobra de San Xiao, Láncara (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L26.a Barreiros, A Pobra de San Xiao, Láncara (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L27 Ouselle, Becerreá (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L28 San Cibrao, Palas de Rei (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L28.a Monterroso (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L29 A Lama, Noceda, Cervantes (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L29.a Pedrafita do Cebreiro (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L30 Triacastela (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L31 Taboada (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L31.a Esmeriz, Chantada (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L32 Seoane, Folgoso do Courel (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L33 Ferrería, Noceda, O Incio (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L34 Bóveda (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L35 A Pobra do Brollón (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L36 A Barrela, Carballedo (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L37 Outeiro do Courel, Folgoso do Courel (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L38 San Clodio, San Clodio de Ribas de Sil, Ribas de Sil (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L39 Panos, Sober (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:L39.a Anllo, Sober (LU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:LE1 Candín (LE). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:LE2 Paradaseca do Bierzo (LE). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:LE3 Calafresnas, Corullón (LE). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:LE4 Carracedo, Carracedelo (LE). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:LE5 Pombriego, Benuza (LE). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O1 San Cristovo de Cea (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O2 Brués, Boborás (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O3 A Veiga da Cascallá, Rubiá (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O4 Córgomo, Vilamartín de Valdeorras (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O5 Avión (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O6 San Amaro (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O6.a Cenlle (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O7 O Pereiro de Aguiar (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O7.a Cudeiro, Ourense (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O8 Larouco (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O9 Robledo, Robledo, Carballeda de Valdeorras (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.* MGG localiza Robledo de Domiz, na parroquia de Sobradelo. No Nomenclator actual tanto Domiz, coma Robledo, coma Sobradelo son lugares e parroquias do mesmo nome.
MGG:O10 San Cristovo, Ribadavia (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O11 Vilariño Frío, Montederramo (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O12 Lamalonga, A Veiga (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O13 Chandrexa de Queixa (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O14 Baños de Molgas (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O15 Calvos, Ramirás (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O16 Allariz (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O17 Viana do Bolo (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O18 Sabuguido, Vilariño de Conso (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O19 San Roque de Crespos, San Xoán de Crespos, Padrenda (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O20 Xinzo de Limia (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O20.a Lamas, Xinzo de Limia (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O21 A Gudiña (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O22 Campobecerros, Castrelo do Val (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O23 Martiñán, Bande, Bande (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*

MGG:O24 A Mezquita (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O25 Cualedro (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O26 Entrimo (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O27 Baltar (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O28 Calvos de Randín (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O29 Vilardevós (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O30 Oímbra (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:O31 Bubaces, Río Caldo, Lobios (OU). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P1 Vila de Cruces (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P1.a Carbia, Vila de Cruces (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.* Manuel González refírese a este concello co nome popular de As Cruces.
MGG:P2 Agolada (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P3 Baloira, A Estrada (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P4 Callobre, A Estrada (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P5 Moalde, Silleda (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P6 Dimo, Catoira (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P6.a Cornazo, Vilagarcía de Arousa (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P7 Santiso, Lalín (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P8 Rodeiro (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P9 Moraña (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P9.a Cuntis (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P9.b Portas (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P10 Forcarei (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P10.a Folgoso, Cerdedo (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P11 Castro, A O, Dozón (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P12 Fefiñáns, Cambados (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P12.a Arousa (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P12.b Ribadumia (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P13 Estonllo, O Grove, O Grove (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P14 A Chan, Carballedo, Cotobade (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.* Hai neste concello dous lugares deste nome: un, na parroquia de San Miguel; e, outro, na de Loureiro.
MGG:P15 Lérez, Pontevedra (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P15.a A Armenteira, Meis (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P15.b Salcedo, Pontevedra (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P16 Nantes, Sanxenxo (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P17 A Lama (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P18 Cela, Bueu (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P18.a Beluso, Bueu (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P19 Soutomaior (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P20 A Graña, Covelo (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P21 A Fraga, Moaña, Moaña (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P21.a Cangas (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P22 Mondariz (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P23 A Cañiza (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P24 Moledo, Sárdoma, Vigo (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P25 Guillade, Ponteareas (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P26 Torneiros, O Porriño (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P27 Arbo (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P28 Belesar, Baiona (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P29 Entenza, Salceda de Caselas (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P30 Salvaterra de Miño (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P30.a Goián, Tomiño (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P31 Oia (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P32 Vilachán, Tomiño, Tomiño (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG:P33 Salcidos, A Guarda (PO). GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (1979-1980) *Ibidem.*
MGG2 GONZÁLEZ GONZÁLEZ, Manuel (2004): "Os tipos de xugo e os seus nomes no territorio de fala galega" en *Boletín da Real Academia Galega* 365, 2004, 135-169.
MHB HERMIDA BALADO, M. (1950): "El matadero Industrial de Galicia. Una excelente mejora para la economía nacional" en *Mundo Hispánico* 28-29, 1950, 103.
Milla. Millarouso, O Barco de Valdeorras (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.
MINI MINI (Xosé L. Rivas Cruz) e MERO (Baldomero Iglesias Barrio) (1996): *Somos lenda viva.* Citania de Publicacións, Lugo.
Miño Miño (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia.*

Anejo 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Miñor. Miñortos, Porto do Son (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Miñor2 Goiáns, Miñortos, Porto do Son (C). MARÍN SUÁREZ, Mª de los Ángeles (1978): *O lésico de San Sadurniño de Joianes (Porto do Son).* Memoria de Licenciatura, Universidad de Valladolid, Facultad de Filosofía y Letras 1978. Inédita.

Miñor3 Miñortos, Porto do Son (C). RODRÍGUEZ NIETO, Cristina.

MIR2001 SUBDIRECCIÓN GENERAL DE ESTUDIOS Y RELACIONES INSTITUCIONALES (2001): *Estadísticas taurinas correspondientes a la temporada 2001.* Secretaria General Técnica. Ministerio del Interior, Madrid http://www.mir.es/SGACAVT/juegosyespec/toros/estadistica/Estadisticas_2001/categoria.htm [30.09.2009].

MIR2002 SUBDIRECCIÓN GENERAL DE ESTUDIOS Y RELACIONES INSTITUCIONALES (2002): *Estadísticas taurinas correspondientes a la temporada 2002.* Secretaria General Técnica. Ministerio del Interior, Madrid http://www.mir.es/SGACAVT/juegosyespec/toros/estadistica/Estadisticas_2002/categoria2002.htm [30.09.2009].

MIR2006 SUBDIRECCIÓN GENERAL DE ESTUDIOS Y RELACIONES INSTITUCIONALES (2006): *Estadísticas taurinas correspondientes a la temporada 2006.* Secretaria General Técnica. Ministerio del Interior, Madrid http://www.mir.es/SGACAVT/juegosyespec/toros/estadistica/EstadisticasTaurinas2006.pdf [30/09/2009].

MIR2008 SUBDIRECCIÓN GENERAL DE ESTUDIOS Y RELACIONES INSTITUCIONALES (2009): *Estadísticas taurinas correspondientes a la temporada 2008.* Secretaria General Técnica. Ministerio del Interior, Madrid http://www.mir.es/SGACAVT/juegosyespec/toros/estadistica/EstadisticasTaurinas2008.pdf [30/09/2009].

Mira. Miranda, Castroverde (LU). FLORES VARELA, Camilo (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

MJSB SOUTO BLANCO, María Jesús e outros (1998): *Libro de oro de Lugo. Imágenes de un siglo.* El Progreso de Lugo SL, Lugo.

MLemos Monforte de Lemos (LU). MORENO SOLANA, C. (1955): "Latín 'mulgere'" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI, 1955, 390-395.

MLG LAGO CONZÁLEZ, Manuel (1895): "A loita pola patria" en *La Integridad* 1895. Recollémolo de ARIAS, Valentín (1973): *Lembranza de Lago González.* Galaxia Vigo, 26-27.

MLP LEIRAS PULPEIRO, M. (1970): *Obra completa.* Galaxia, Vigo.

MLP2 LEIRAS PULPEIRO, Manuel (1931): "Cantares", Suplemento de *Nós* 36, novembro 1931, 1-12.

MLP3 LEIRAS PULPEIRO, M. (1984): *Poesía galega completa.* Ediciones Sotelo Blanco, Barcelona.

MLP4 LEIRAS PULPEIRO, M. (1912): *Refráns galegos inéditos* do arquivo da RAG e que non se publicaron en *B.R.A.G.* (69, 70, 71, 72, 1913) por teren algunha palabra malsoante.

MLPI PÉREZ IGLESIAS, María Luisa (1972): *Estudio geográfico de la ganadería en la provincia de Pontevedra.* Santiago de Compostela. Universidad de Santiago de Compostela.

MLPI2 PÉREZ IGLESIAS, M.L. (1979): *La reserva ganadera de Galicia: pasado y presente.* Instituto de Geografía Aplicada, Consejo Superior de Investigaciones Científicas; Sección de Santiago.

MLPI3 PÉREZ IGLESIAS, María Luisa (1989): "La política de ayudas a la ganadería en la Comunidad Autónoma Gallega" en *Actas do Simposio Internacional Otero Pedrayo e a Xeografía de Galicia. (Santiago de Compostela, 16-17-18 de xuño de 1988) / [orgaizado polo Consello da Cultura Galega].* Consello da Cultura Galega, [Santiago de Compostela]; 342-365.

MLR LUSTRES RIVAS, M. (1921): "Touros e foros" n'*A Nosa Terra* 153, 15.12.1921, 4-5.

MM MAYORAL, M. (1996): "Ditoso mes" en *La Voz de Galicia* 21.11.1996.

MMaría MANUEL MARÍA (2001): *Obra poética completa*. Espiral Maior, A Coruña. 2 vols.

MMC1 MANDIANES CASTRO, M. (1985): "A matanza na rexión da Limia" en *Grial* 87, 1985, 15-30.

MMC2 MANDIANES CASTRO, M. (1986): "El niño y el espacio en la Galicia rural" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XLI, 1986, 243-254.

MMeda Cabanas, Monte de Meda, Lugo (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

MMG MENÉNDEZ GARCÍA, Manuel (1950): "Cruce de dialectos en el habla de Sisterna (Asturias)" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VI, 1950, 355-402.

MMLC LÓPEZ COIRA, M. M. (1984-1987): "Evolución e cambio das estructuras socioculturais na montaña lucense" en *Revista Galega de Estudios Agrarios* 10, 1984-87, 17-27.

MMM MARTÍNEZ MURGUÍA, Manuel en VIDAL CASTIÑEIRA, Ana (2003): "Un manuscrito paremiolóxico de Murguía" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003; 117-128.

MMP MENÉNDEZ Y PELAYO, Marcelino (1948): *Historia de los heterodoxos españoles. Apéndice II: España antes del cristianismo*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Madrid. [http://descargas.cervantesvirtual.com/servlet/SirveObras/12593284227030423087624/029145_0003.pdf] [23.10.2008].

MMS MORATINOS SANTOS, Matías de (1669): *Constituciones Sinodales del Obispado de Lugo, copiladas, hechas y promulgadas por el Ilustrísimo Señor Don Matías de Moratinos Santos, Obispo y Señor de Lugo, y electo de Astorga, del Consejo de S.M. en la Synodo que se celebró en su Iglesia Catedral de la dicha ciudad en el mes de Febrero de mil y seiscientos y sesenta y nueve años.*[...] Reimpresa en Santiago por Don Ignacio Aguayo, impresor de la Intendencia y Rentas, año de 1803.

MN MAGARIÑOS NEGREIRA (1926): *O filósofo de Tamarica.* Lar, A Cruña 3.11.1926. Cit. por CÁTEDRA DE

LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós.* Galaxia, Vigo 1976, 323.

MNC NÓVOA COSTOYA, Manuel (1908): "N-a corredoira" en *Aires d'a miña Terra* 1,10.05.1908; 3.

MNG NÚÑEZ GONZÁLEZ, Manuel (1890): "Becquerianas gallegas" n'*A Monteira* 46, 16.08.1890, 362-363.

Moeche Balocos, Moeche, Moeche (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Mogor Mogor, Marín (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Mogor2 Mogor, Marín (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Mohías Mohías (Oviedo). GARCÍA SUÁREZ, Alfredo (1950): "Contribución al léxico del asturiano occidental" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VI/2, 1950, 264-300.

Molga1 Baños de Molgas (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Molga2 Albite, Baños de Molgas, Baños de Molgas (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Mon. Monterroso (LU). GARCÍA ROJO, M. Dores (1966 ss.) en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Mon1 Monterroso (LU). Ferreiro Fente, Gregorio (2004).

Mon2 Monterroso (LU). PADÍN DÍAZ, Blanca Mª (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Mond1 Mondariz (PO). PEINADOR LINES, E. (1922): "Vocabulario dos cesteiros de Mondariz" en *Nós* 11, 1922, 12; 14, 1922, 15-16; 14, 1922, 18. Este número 14 da revista *Nós* ten un problema de composición: hai seccións que se repiten e mesmo páxinas que repiten numeración, por máis que a información que conteñen é diferente. Todo indica que, por un fallo de maquetación aglutinaron o contido de dous números nun único número impreso. De feito a información que citamos do 14, 1922, 18 corresponde á segunda páxina que leva o número 18 nese exemplar.

Mond2 Mondariz (PO). Chivite Mosquera, Francisco (1986).

Mond3 Mondariz (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Mond4 Mondariz (PO). Diéguez Novoa, María Ignacia (1986).

Mond5 Mondariz (PO). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Mond6 Mondariz (PO). LISTE, A. (1989): "La simbología de los 'xugos'" en *La Voz de Galicia* 14.01.1989.

Mondo1 San Lázaro, Mondoñedo (LU). MARTÍNEZ CAYOSO, B. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Mondo2 O Formigueiro, Os Remedios, Mondoñedo (LU). RODRÍGUEZ VILARELLE, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Mondo3 Mondoñedo (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Mondo4 .Terra de Mondoñedo (LU). LENCE SANTAR, Eduardo (1938-1941): *Etnografía mindoniense.* Ed. de Armando Requeixo. Follas Novas, Santiago de Compostela 2000. Traballos publicados polo autor no diario santiagués *El Compostelano* entre mediados dos anos 30 e primeiros dos 40.

Mondo4b .Terra de Mondoñedo (LU). LENCE SANTAR, Duardo (1942): "Folklore gallego (1). Os médicos y os manciñeiros" en *Mondoñedo 1842-1942*; sen páx.

Mones Mones, Petín (OU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Mora1 O Longás, Santa Xusta, Moraña (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Mora2 Moraña (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Mora3 Moraña (PO). RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Galaxia, Vigo I (1958), II (1960), III (1961).

Mora4 Moraña (PO). Lajos Guillán, Manuel (1986).

Mora5 A Bouza, Rebón, Moraña (PO). Ruibal Fernández, María (1987).

Mora6 Moraña (PO). Ferro Batallán, Jesús (1987).

Mora7 A Bouza, Rebón, Moraña (PO). Rodríguez Calvo, Secundino (2005).

Mora8 Grixó, Lamas, Moraña (PO). Ferro Batallán, José (1955).

Morai. Oruxo, Moraime, Muxía (C). FERNÁNDEZ FERRO, M. Felisa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

More. Mordadiz, Moreda, Taboada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

Morei. Moreiras, O Pereiro de Aguiar (OU). RAMÓN E FERNÁNDEZ OXEA, J. (Ben-Cho-Shey) (1982): *Santa Marta de Moreiras.* Ed. do Castro, Sada.

Morei2 Moreiras, O Pereiro de Aguiar (OU). RIVAS QUINTAS, Elixio (2002): *Frampas III.* Citado polo *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina.

Moreira Moreira, A Estrada (PO). (1949-1957): Seminarista anónimo que recolle refráns entre 1949 e 1957 e que figuran na colección de Francisco Vázquez Saco.

Morei-X Moreiras, Xinzo de Limia (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Morga. Morgadáns, Gondomar (PO). PÉREZ ALONSO, M. Xesús (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Morlán Morlán, Trazo (C). Domínguez Noya, Eva (2007).

Mos Mos (PO). Ferro Ruibal, Xesús (1984).
Mos1 Petelos, Mos (PO). Martínez, Pilar (1984).
Mos2 A Pedra Pinta, Santa Marta, Mos (PO). Giráldez Lorenzo, Mercedes (1984).
Mosen. Mosende, O Porriño (PO). PÉREZ MONZÓN, Xuliana (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Mour1 Mourente, Pontevedra (PO). VARELA PEDROSA, Beatriz (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Mour2 Santa Margarida, Mourente, Pontevedra (PO). BERMÚDEZ HERMIDA, Xosé Constante (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Moura Moura, Nogueira de Ramuín (OU). VILLAGARCÍA, A. (1948): "Vocabulario gallego de Moura (Nogueira de Ramuín, Orense)" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 11, 1948, 426-430.
Mouri. Mouricios, Chantada (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.
MP MARCOS D'A PORTELA (1885): "O zapateiro de Cangas" n'*A Gaita Gallega*. A Habana; 5.07.1885, 4. Véxase tamén **TMP**.
MPR MARIÑO PAZ, Ramón (1991): *Estudio fonético, ortográfico e morfolóxico de textos do Prerrexurdimento galego (1805-1837).* Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, abril 1991.
MPTL DE TORRES LUNA, M.P. e outros (1995): "Nuevas tendencias en la ganadería europea. Estudio comparativo de Lugo (Galicia) y Sarthe (P. Loira)" en *Actas. VI Colóquio Ibérico de Geografia. A Península Ibérica, um espaço em mutação. Publicações da Universidade do Porto*, 245-252 (v.1).
Mra. Montederramo (OU). SÁNCHEZ SÁNCHEZ, Aurora (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.
Mra1 Montederramo (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.
MRL RAJO LÓPEZ, M. (1977): *Refráns e ditos galegos* II. Gráficas Fraga, Monforte de Lemos.
MRM RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, M.M. (1976): "Aspectos del derecho y sociedad en la Galicia actual a la luz de la etnografía 'jurídica'" en *Gallaecia* 2, 1976, 273-279.
MRO ROEL, Manoel (1919): "Gallegadas" n'*O Tío Marcos d'a Portela* 48, 7.02.1919, 4.
MRP REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel (1992): *Un médico na aldea.* Ediciós do Castro, Sada.
MRV RICO VEREA, Manuel (1989): *Cancioneiro popular das Terras do Tamarela.* Galaxia, Vigo.
MS SOLAR, M. (1996): "Morenas de Galicia" n'*O Correo Galego* 22.09.1996.
MSA SUÁREZ ABAL, M. (1996): "Este carro vai dianteiro" en *La Voz de Galicia*, 11.07.1996.
MSF FERNÁNDEZ, Mª S., ARREDONDO, I. (1985-1986): "Los nombres de la 'vaca con manchas' en diversos ámbitos españoles" en *Archivo de Filología Aragonesa* 36-37, 1985-1986, 573-607.
MSJ JASSANS, Miquel S. (2008): *Onomàstica de Duesaigües i el seu terme*. Institut d'Estudis Catalans. Treballs de l'Oficina d'Onomàstica, XIV. Barcelona.
MTFV FERNÁNDEZ VÁZQUEZ, María Teresa (2002): *La Industria del curtido en la Galicia contemporánea.* Tesis Doctoral presentada por María Teresa Fernández Vázquez bajo la dirección de Joám Carmona Badía. Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, Santiago de Compostela.
Muga. Mugardos (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.
Muga2 Mugardos (C). Martínez Yáñez, César (1982).
Muime1 Muimenta, Cospeito (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.
Muime2 Muimenta, Cospeito (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.
Muime3 Muimenta, Cospeito (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.
Muíño Muíño, Zas (C). Lage, Lisa (1983).
Mundil Santa María do Mundil, Cartelle (OU). ANÓNIMO (ed. Vicente Risco) (1928): "Freguesía de Mundil" en "Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza", *Nós* 55, 1928, 131-136.
Muras Muras (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.
Muras1 Fonte, Muras, Muras (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.
Muras2 Muras. *El Eco Murense. Órgano del Sindicato Agrícola 'El Murense' y defensor de los intereses del pueblo de Muras.* nº 1, 21.6.1914.
MURO MURO Y GOIRI, A. (1872): *Memoria sobre la industria tenera en Galicia.* A Coruña.
Muros Muros (C). FABEIRO GÓMEZ, Manuel (1958): "Cancionero de Muros" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 39, 1958, 95-131.
Muros2 Muros (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.
Muros3 Muros (C). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.
Muxía Muxía (C). Benavente Jareño, Pedro (1990).
Muxía1 Muxía (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Muxía2 Muxía (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

MV ANÓNIMO: *O mintireiro verdadeiro.* Lugo. A sigla MV vai acompañada por dous díxitos que indican os dous últimos díxitos do ano que se cita. Recollemos información das edicións dos anos 1971, 1987, 1988, 1989, 1991, 1992 e 2000.

MVB VARELA BUXÁN, Manuel (1975): *O ferreiro de Santán. Taberna sin dono.* Ed. Celta, Lugo.

MVJ MARQUÉS VALEA, Julia (1989): *Palabras compostas no galego actual.* Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela, setembro 1989.

MVN VALLADARES NÚÑEZ, Marcial (1884): *Diccionario Gallego-Castellano.* Imprenta del Seminario Conciliar Central, Santiago. Engadimos tamén algunhas informacións procedentes dos inéditos que incorpora o *Diccionario de Diccionarios* de Antón Santamarina.

MVN2 VALLADARES, Marcial (1890): "Refrás, proverbios e dicires gallegos recollidos pol-o que firma, e non contidos n-a gramáteca d'o siñor Saco Arce" n'*A Monteira* 60 (62) - 65 (103), 1890.

MVN3 VALLADARES NÚÑEZ, M. (1970): *Maxina ou a filla espúrea.* Galaxia, Vigo.

MVN4 VALLADARES NÚÑEZ, M. (1970): *Cantigueiro Popular.* Real Academia Gallega, A Cruña.

MVN5 VALLADARES NÚÑEZ, M. (1888): "Os tres hirmans" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 236, 8.07.1888, 1-4. Publicado tamén n'*O Novo Galiciano. Defensor d'os intreses gallegos* 16, 2.12.1888, Pontevedra.

MVN6 VALLADARES, Marcial (1888): "Cantigas populares" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 12.02.1888, 5.

MVN7 VALLADARES, Marcial (1970): *Elementos de Gramática Gallega.* Galaxia, Vigo.

MVR1 VIDAL RODRÍGUEZ, Manuel (1919): "Os amigos" en *Ultreya* 5, 15.08.1919, 79-80.

MVR2 VIDAL RODRÍGUEZ, Manuel (1920): "O tío Mataprobes" en *Ultreya* 17, 15.03.1920, 267-272.

MVT VIDÁN TORREIRA (1987): "Verbalia" "'Rivoira Sacrata' = 'Ribera Sagrada'" en *La Voz de Galicia* 3.10.1987 e 10.10.1987.

MYG YÁÑEZ GONZÁLEZ, Manuel (1922): "Os esquencidos. O arador" n'*A Nosa Terra* 155, 15.01.1922.

Nande Nande, Laxe (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Nantes O Santo, Nantes, Sanxenxo (PO). Amado Piñeiro, José Luís (2005).

Narla Narla, Friol (LU). ANÓNIMO (1949-1957): Seminarista anónimo que recolle refráns entre 1949 e 1957.

Narón Narón (C). MORENO SOLANA, C. (1955): "Latín 'mulgere'" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI, 1955, 390-395.

Neda Neda (C). LÓPEZ MARTÍNEZ, Oscar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Negr. Negreira (C). Moreira Berdullas, Francisco (2000).

Negr1 Negreira (C). MORENO SOLANA, C. (1955): "Latín 'mulgere'" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI, 1955, 390-395.

Negr2 Negreira (C). MATEOS RAMOS, Elisa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Negr3 Negreira (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Negra. Negradas, O Vicedo (LU). CAMPILLO NOVO, M. Tareixa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

NegraG As Negradas, Guitiriz (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

NegraG2 As Negradas, Guitiriz (LU). Seijas Sánchez, Consolación (2007).

Negral Vilamaior de Negral, Guntín (LU). RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, Xosé Luís (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Neiro Riutorto, Neiro, A Fonsagrada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Neman. .Terra de Nemancos (C). RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Galaxia, Vigo I (1958), II (1960), III (1961).

Nespe. Torrente, Nespereira, Pazos de Borbén (PO). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

NespeL Nespereira, Portomarín (LU). Rodríguez, Gerardo.

Nete Nete, Vilalba (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Neves As Neves (PO). Ferro Ruibal, Xesús (1984).

Neves2 Neves As (PO). GARCÍA SOLLA, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Neves3 Neves As (PO). De Dios Díez, Mª Flor (1986).

Neves4 Neves As (PO). BARBEITO LORENZO, María Dolores (2005): "Frases feitas do Concello das Neves" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 7, 2005, 293-301.

NevesC As Neves, A Capela, A Capela (C). COLEXIO PÚBLICO MOSTEIRO DE CAAVEIRO (1989): *Refraneiro do ano.* Ideal 4.

Nigr1 Nigrán (PO). Ferro Ruibal, Xesús (1986).

Nigr2 Nigrán (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Niño. Ichó, Niñodaguia, Xunqueira de Espadanedo (OU). Cid Domínguez, Antón (1986).

Nive. Niveiro, Val do Dubra (C). GARCÍA VILLASENÍN, Xosé M. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Noal Noal, Porto do Son (C). FACAL GARCÍA, Xoaquín (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Noalla Touticeira, Noalla, Sanxenxo (PO). SIERRA RODRÍGUEZ, María X. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Noalla2 Noalla, Sanxenxo (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios*

Gallegos 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

Noalla3 Noalla, Sanxenxo (PO). González Torres, Albino (1989).

Nogais As Nogais (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Nogue. Zacande, San Vicente de Nogueira, Meis (PO). SABARÍS BELOSO, Carmen (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Noia Noia (C). Martín Biedma, Rosa (1979).

Noia2 Noia (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Noia3 Noia (C). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Noia4 Noia (C). VÁZQUEZ CUESTA, Mª Pilar (1947): "Nombres de la coyunda" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III, 1947, 106-110.

Noia5 Barquiña, Noia (C). Añón Pombo, R. (1980).

Noice. Feixe, Noicela, Carballo (C). AVENDAÑO GASCÓN, Carme M. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Nove. Novefontes, Touro (C). LÓPEZ FERNÁNDEZ, Xesús (1969-1985): *Vocabulario de Novefontes. Contribución a un estudio lingüístico.* Tese de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela, octubre 1969. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Nove2 A Capela, Novefontes, Touro (C). ÁLVAREZ BLANCO, M. Salomé (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

NRam. Nogueira de Ramuín (OU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

NRC RIELO CARBALLO, Nicanor (1978): *A romaxe do Faro.* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 56).

NT TENORIO, Nicolás (1914): *La aldea gallega* (Cádiz 1914). Reedición de Xerais, Vigo 1982.

Oirán Santestevo, Oirán, Mondoñedo (LU). DÍAZ GONZÁLEZ, Manuel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Oirós Oirós, Vila de Cruces (PO). PÉREZ FROIZ, M. X. (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Ois Ois, Coirós (C). Carro Iglesias, Ramón.

Oleiros Oleiros (C). Ferro Ruibal, Xesús (1987).

Oliv. Oliveira, Ponteareas (PO). TOSCANO NOVELLA, M. Pilar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Ombre. Ombreiro, Lugo (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Ons Ons, Bueu (PO). CASTROVIEJO BOLIBAR, M.A. (1984-1985): "La medicina popular" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXXV, 100, 1984-1985, 613-630.

Ordes Ordes (C). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Ordes2 Merelle, Ordes, Ordes (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Ordes3 Ordes, Ordes (C). Ferro Ruibal, Xesús (1987).

Oro-Ca. Oroso, A Cañiza (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Oro-Ca2 Paredes, Oroso, A Cañiza (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

Oroso1 A Igrexa, Oroso, Oroso (C). SANDES FERNÁNDEZ, Carlos (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Oroso2 Sigüeiro, Oroso, Oroso (C). FONTOIRA SURÍS, M. Lidia (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Oroso3 Sigüeiro, Oroso, Oroso (C). Iglesias Blanco, Josefina.

Orrea Orrea, Riotorto (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Ort. Ortigueira (C). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Ort2 Ortigueira (C). FRANCO GRANDE, Xosé Luís (1968): *Diccionario gallego-castellano.* Galaxia, Vigo.

Ortoño Sisalde, Ortoño, Ames (C). ANAYA GARCÍA, M. Luísa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Ortoño2 Bertamiráns, Ortoño, Ames (C). Leis, Carlos (2005).

Osoño Veiga das Meás, Osoño, Vilardevós (OU). SANTIAGO, Silvio (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Osoño2 Osoño, Vilardevós (OU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Osoño3 Veiga das Meás, Osoño, Vilardevós (OU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Ourense .Ourense (OU). SARMIENTO, Fr. Martín (1973): *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega.* Edición de J.L. Pensado, Univ. de Salamanca.

Ourense1 .Ourense (OU). FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, J.R. (1978): *Etnografía del Valle de Ancares. Estudio*

lingüístico según el modelo" Palabras y cosas". Verba, *Anejo* 10. Universidad de Santiago de Compostela 1978.

Ourense2 Ourense (OU). González Bermejo, M. Celia.

Ourense3 .Ourense (OU). Vázquez Pérez, Luís Antonio (2003).

Ourense4 Ourense (OU). Vázquez-Monxardín Fernández, Alfonso (2010).

Outes Cando, Outes (C). Vila García, Josefa.

Oza Oza, Carballo (C). MUÍÑO REYES, Ana María (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

PA PEREDA ÁLVAREZ, José María (1953): "Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega" en *Douro-Litoral* (Porto), 5ª série, VII-VIII, 1953, 19-52.

Pacios Pacios, Baralla (LU). ANÓNIMO: Informante anónimo do 'Refraneiro' de Vázquez Saco (1962). O informante localizaba *Pacios* no concello de Neira de Xusá, que hoxe se denomina Baralla.

Pad1 Padrón (C). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Pad2 Padrón (C). Ferro Ruibal, Xesús (1990).

Pad3 Padrón (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Pade. Donín, San Xulián de Vigo, Paderne (C). FERNÁNDEZ JIMÉNEZ, M. Xosé (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Paíme Paíme, San Xurxo de Piquín, Ribeira de Piquín (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

Pal. Palmeira, Ribeira (C). MUÑIZ AGEITOS, Xoán M. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Pal2 Palmeira, Ribeira (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia.* Anejo 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces);* Anejo 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Palas1 Palas de Rei (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Palas2 Palas de Rei (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Palas3 Palas de Rei (LU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Palas4 Palas de Rei (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Pantón Ferreira de Pantón, Pantón (LU). PALACIO SÁNCHEZ, Xosé Antonio (1974): *Notas sobre el léxico de Ferreira de Pantón (Lugo).* Tese de Licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela, julio 1974. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Pantón1 Ferreira de Pantón, Pantón (LU). ANÓNIMO: Informante anónimo do 'Refraneiro' de Vázquez Saco (1962).

Panxón Panxón, Nigrán (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Par1 Paredes, Vilaboa, Vilaboa (PO). Canda, Manuel (1986).

Par2 Paredes, Vilaboa, Vilaboa (PO). Ocampo Táboas, Juan (1986).

Parada. Paradavella, A Fonsagrada (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Parade. Paradela (LU). PALLARES LÓPEZ, Manuel-Ramiro (1990): *Vocabulario do Concello de Paradela (Lugo).* Servicio de Publicacións. Deputación Provincial de Lugo.

Parade1 Paradela (LU). ANÓNIMO: Informante anónimo do 'Refraneiro' de Vázquez Saco (1962).

Páramo Páramo O (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

PAre. Pontearees (PO). Ocampo Táboas, Juan (1986).

PAre1 Pontearees (PO). Soutullo Garrido, Manuel.

PAre2 Pontearees (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Parga Parga, Guitiriz (LU). MORANDEIRA LORES, María Josefa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Pazó Amiadoso, San Martiño de Pazó, Allariz (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións Deputación Provincial, Lugo.

Pazos Pazos, Verín (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

PBJ BENAVENTE JAREÑO, Pedro (1988): "O Diccionario Xerais lido por un veterinario" en *Grial* 99, 1988, 19-36.

PBJ2 BENAVENTE JAREÑO, Pedro (1995): *Guía de alimentación.* Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Santiago.

PBJ3 BENAVENTE JAREÑO, Pedro e FERRO RUIBAL, Xesús (1995): *Refraneiro galego da vaca.* Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, Santiago.

PC PICO DE COAÑA, Justo (1881): "Carta a Bastián d'a Pallarega, en Boston (Estados Unidos), subdialecto de la costa de la provincia de Lugo, entre Vicedo y Burela" Vivero 30 de mayo de 1881 en *La Ilustración Gallega y Asturiana* III, 21-28.07.1881; 248-249. Cit. por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA:

Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós. Galaxia, Vigo 1976, 129-133.

PCa CANITROT, Prudencio: *Nube.* Conto recollido nunha carpeta de Leandro Carré Alvarellos. Arquivo da Real Academia Galega.

PCal. Ponte Caldelas (PO). Cao Grossi, Fernando (1986).

PCal2 Laxioso, Ponte Caldelas, Ponte Caldelas (PO). FRADE CASTRO, M. Cristina (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

PCal3 Coveliño, Ponte Caldelas, Ponte Caldelas (PO). Orge Ventín, Rosalía (1998).

PDFl. Ponte de Domingo Flórez (LE). SARMIENTO, Fr. Martín (1754-1973): *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega.* Edición de J.L. Pensado, Univ. de Salamanca.

PDFl2 Ponte de Domingo Flórez (LE). VÁZQUEZ CUESTA, Mª Pilar (1947): "Nombres de la coyunda" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III, 1947, 106-110.

PdM PEDRO DE MERILLE (Golpe, S.) (1906-1994): *Refraneiro agrícola- meteorológico.* Asociación Cultural Eira Vella, Betanzos.

PdP PEPE DO PENDELLO (1877): "Cartiñas o [sic] Tio Marcos" n'O *Tio Marcos da Portela* 50, 17.6.1877, 199.

PdR PEPE DO ROLLO (1968) (Pseudónimo de Xosé María Álvarez Blázquez): "Nos touros" en TRINCA DE POETAS (1968): *Sal e pementa. Escolma de epigramas.* Edicións Castrelos, Vigo. (Col. O Moucho 6). O colector desta escolma é Xosé María Álvarez Blázquez.

Ped1 Pedrafita do Cebreiro (LU). ACOSTA GARCÍA, M. T. (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Ped2 Pedrafita, Pedrafita do Cebreiro (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Ped3 Pedrafita do Cebreiro (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Pedro. Pedrouzos, Melide (C). RODRÍGUEZ PETEIRO, Xesús (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Pena Pazos Ermos, A Pena, Cenlle (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Penela Santa Mariña do Monte, Penela, Monforte de Lemos (LU). DÍAZ CARNERO, Mercedes (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Peno. Tellado, Penosiños, Ramirás (OU). MARTÍNEZ MONTERO, Faustina (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Pentes1 San Lourenzo de Pentes, A Gudiña (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

Pentes2 Herosa, San Mamede de Pentes, A Gudiña (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Pentes3 Pentes, A Gudiña (OU). PRIETO, Laureano (1958): *Contos vianeses.* Galaxia, Vigo.

Pentes4 San Lourenzo de Pentes, A Gudiña (OU). Gago Montesinos, Maribel.

Per. Pereiramá, Castroverde (LU). VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, Mª Isabel (1985): *El habla y léxico de San Julián de Pereiramá (Lugo).* Universidade de Santiago de Compostela, s/d. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Per1 Pereiramá, Castroverde (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Peroxa A Peroxa, Lamas, Moraña (PO). REBOREDO CONLES, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Pes. Pesqueiras, Chantada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Pesqu. Pesqueiras, Salvaterra de Miño (PO). Rodríguez Rodríguez, Xosé E. (1986).

Pexe. Pexeiros, Os Blancos (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

PG GRIMAL, Pierre (1969): *Dictionnaire de la mythologie Grecque et Romaine*. Presses Universitaires de France, Paris.

PG-GF GALÁN REGALADO, Pedro e FERNÁNDEZ ARIAS, Gustavo (1993): *Anfibios e réptiles de Galicia.* Xerais, Vigo.

Pica. O Picato, Quintela, Castro de Rei (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

PlH IGLESIA HERNÁNDEZ, Pedro: *Gran Enciclopedia Gallega* s.v. "vaca" , 29, 202-207.

Piñ. Piñeira, A Fonsagrada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Piñ2 Gulpilleiras, Piñeira, A Fonsagrada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Piñe. Vilareme, Piñeiró, Saviñao O (LU). SÁNCHEZ REBOREDO, Soidade (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Piñei1 Piñeira de Arcos, Sandiás (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Piñei2 Piñeira de Arcos, Sandiás (OU). IGLESIAS PRIETO, M. Consolación (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Piñor Piñor de Cea, Piñor (OU). JUSTO GIL, Manuel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Piquín Piquín, Santalla, Ribeira de Piquín (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de*

Piquín. Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Piquín2 Piquín, Santalla, Ribeira de Piquín (LU). Santamarina Fernández, Antón (2000).

Piquín3 Sadrarín, San Xurxo de Piquín, Ribeira de Piquín (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Piquín4 Lamas, Santalla, Ribeira de Piquín (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Piquín5 Moleiras, Ribeira de Piquín (LU). Portela Álvarez, Florencio.

PL1 PRADO "Lameiro" , X. (1917): "Cousas de feira" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 21.04.1917, 3.

PL2 PRADO "Lameiro" , X. (1917): "Un consello" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 7.08.1917, 4.

PL2b PRADO "Lameiro" , X. (1917): "Parolas formás d'o Tío Marcos' n'*O Tio Marcos d'a Portela* 16, 7.10.1917, 2; 17, 21.10.1917, 2. N'*O Tio Marcos d'a Portela* aparece sen sinatura pero en PL12 cítase como da autoría de Xavier Prado.

PL2c PRADO "Lameiro" , X. (1918): "Parolas formás d'o Tío Marcos' n'*O Tio Marcos d'a Portela* 7.04.1918; 2. N'*O Tio Marcos* d'a *Portela* aparece sen sinatura pero en PL12 cítase como da autoría de Xavier Prado.

PL3 PRADO "Lameiro" , X. (1918): "Brincadelas", n'*O Tío Marcos d'a Portela* 21.04.1918, 2.

PL4 PRADO "Lameiro" , X. (1918): "N-o xusgado de paz" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 7.09.1918, 2.

PL4b PRADO "Lameiro" , X. (1918): "¡Veñan ises cartos!" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 21.10.1918; 2.

PL5 PRADO "Lameiro" , Javier (1918): "Epigramas" en *Nós. Páxinas gallegas do Diario da Cruña El Noroeste* 3.12.1918, 52. Ed. facs.: Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2001.

PL6 PRADO "Lameiro" , X. (1919): "Á entrada d'o feiral" n'*O Tio Marcos da Portela* 21.03.1919, 2.

PL7 PRADO, Xavier (1919): "Axexando" en *Nós. Páxinas gallegas do Diario da Cruña El Noroeste* 18.11.1919, 109. Ed. facs.: Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2001.

PL7b PRADO RODRÍGUEZ "Lameiro", Xavier (1928): "Almas sinxelas" en *Monifates. Primeiro tomo d'a coleución d'obras teatrás.* Imprenta de La Región, Ourense 1928, 7-44.

PL8 PRADO RODRÍGUEZ "Lameiro", Xavier (1928): "Tratos" en *Monifates. Primeiro tomo d'a coleución d'obras teatrás.* Imprenta de La Región, Ourense 1928, 47-70.

PL9 PRADO RODRÍGUEZ "Lameiro", Xavier (1928): "Todo tén goberno" en *Monifates. Primeiro tomo d'a coleución d'obras teatrás.* Imprenta de La Región, Ourense 1928, 143-179.

PL10 PRADO RODRÍGUEZ "Lameiro", Xavier (1928): "Un home de sórte" en *Monifates. Primeiro tomo d'a coleución d'obras teatrás.* Imprenta de La Región, Ourense 1928, 181-191.

PL11 PRADO RODRÍGUEZ, Javier (1942): "Mal negocio" en *Labor divulgadora. Lo que dicen ellos...* por Javier Prado Rodríguez. Septiembre de 1942, Orense. Imp., Enc., Lib., 'La Industrial S.L.' 14-16. "Vale más poco y bueno que mucho y malo" *Ibidem* 8-10.

PL12 PRADO "Lameiro" , Xabier (1928-1995): "Cóxegas e moxetes" en *Obra completa* II. Edición e estudio introductorio de Marcos Valcárcel. Concello de Ourense.

PLC LINO CUÍÑAS, Pio (1897): "Algo de toros. Artículo en frío" en *Galicia moderna. Revista quincenal ilustrada* 9, 1.09.1897, 1-2.

PLu *El Progreso.* Xornal de Lugo.Os díxitos que aparecen despois dos dous puntos indican o día, o mes e mailo ano de publicación do dato que se cita.

PM MARTÍN, Paco (1985): *¿Que cousa é cousa...? Libro das adiviñas.* Galaxia, Vigo.

Pmouro. Portomouro, Val do Dubra (C). Martínez Calvo, Liliana (2002).

Pnova A Pontenova (LU). RIVAS QUINTAS, Elixio (2004): *Frampas III.* Citado polo *Diccionario de diccionarios* de Antón Santamarina.

Pnovo. Portonovo, Adina, Sanxenxo (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Pnovo2 Portonovo, Adina, Sanxenxo (PO). Benavente Jareño, Pedro (2004).

Pnovo3 Portonovo, Adina, Sanxenxo (PO). Rodiño Magdalena, Francisco (2004).

Pnovo4 Portonovo, Adina, Sanxenxo (PO). Leiro Telmo, Eugenio (2004).

Poio Poio (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Poio1 A Escusa, Poio, Poio (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Poio2 Poio (PO). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Pont. Pontevedra (PO). Cao Grossi, Fernando (1986).

Pont1 Pontevedra (PO). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Pont2 Pontevedra (PO). SARMIENTO, Fr. Martín (1754-1973): *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega.* Edición de J.L. Pensado, Univ. de Salamanca.

Pont3 Pontevedra (PO). Areán Reigosa, Milagros.

Pont4 Pontevedra (PO). Benavente Jareño, Pedro (2002).

Pont5 Pontevedra (PO). Filgueira Iglesias, Fernando (1985).

Porr. O Porriño (PO). Ferro Ruibal, Xesús (1986).

Porr1 O Porriño (PO). Martínez Freiría (1984).

Porr2 O Porriño (PO). Iglesias Veiga, Mª Pilar (1984).

Porr3 O Porriño (PO). Crespo Rodríguez, Mª Dores (1984).

Porr4 O Porriño (PO). De Dios Díez, Mª Flor (1984).

Portas Portas (PO). CASTROAGUDÍN TORRES, Ramón (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Porto Porto (ZA). RODRÍGUEZ LAGO, M. C. (1985): en

GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Porto1 Porto (ZA). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Poulo Pardiñas, Poulo, Ordes (C). BEIRAS PÉREZ, María Xesús (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

PP POPESKO, P. (1981): *Atlas de anatomía topográfica de los animales domésticos.* Salvat Editores, Barcelona.

PPC PÉREZ COSTANTI, Pablo (1925-1926): *Notas viejas galicianas.* Vigo (reed. Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 1993).

PPXM PENAS PATIÑO, Xosé M. e outros (1991): *Guía das aves de Galicia.* Bahía Edicións, A Coruña.

PPXM2 PENAS PATIÑO, Xosé Manuel e PIÑEIRO SEAGE, Antonio (1989): *Cetáceos, focas e tartarugas mariñas das costas ibéricas.* Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, Santiago de Compostela.

PR ROVIRA, Prudencio (1918): *Hirmandade! Poemiña de revolta.* Lib. De la Viuda del Pueyo, Madrid.

Prado Prado, Vilar de Barrio (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

PradoL Prado, Lalín (PO). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Pravio Pravio, Cambre (C). BEL ORTEGA, Fernando (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Pre. Prevediños, Touro (C). CANEDA RENDO, Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

PRIVAS RIVAS, Paco (1992): *Expresións e ditos populares da área mindoniense. Unha proposta didáctica.* Diputación Provincial de Lugo.

PRO RODRÍGUEZ "OITABÉN", P. (1989): *A Figueira.* Galiza Editora, Ourense.

PRV RUIZ DE VALDIVIESO, Pedro (1622): *Constituciones Sinodales del Obispado de Orense, compiladas hechas y publicadas por su Señoría Ilma. Don Pedro Ruiz de Valdivieso, Arzobispo-Obispo de Orense, del Consejo de su Magestad, en el primero sínodo que celebró en esta Catedral. Con Licencia del Consejo en Madrid por la Viuda de Andres Agustín Balboa, año de 1622. Reimpresas por disposición del Señor Doctor Don Juan Manuel Bedoya* [...] Orense. Imprenta de D. Juan María Pazos. Año de 1843.

PSam. Ponte Sampaio, Pontevedra (PO). Cao Grossi, Fernando (1986).

PSeca Piñeira Seca, Xinzo de Limia (OU). PAULA POMBAR, María Neves De (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

PSerra Parada da Serra, A Gudiña (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

PSerra2 Venda da Capela, Parada da Serra, A Gudiña (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

PSil Parada de Sil (OU). BERTOLEZ CUE, M. Paz (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

PSil1 Teimende, Parada de Sil, Parada de Sil (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Psín. Portosín, Goiáns, Porto do Son (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

PSon Porto do Son (C). Sierra Fernández, José (2009).

PUlla Gundián, A Ponte Ulla, Vedra (C). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

Puma. Pumares, Carballeda de Valdeorras (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

PUme Pontedeume (C). RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Galaxia, Vigo I (1958), II (1960), III (1961).

PUme2 Pontedeume (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

PUme3 Pontedeume (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Punxei Punxeiro, Punxeiro, Viana do Bolo (OU). Vidal Castiñeira, Ana (2004).

Punxín Punxín (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

PV VIZ, Pablo (2001): "Galicia avanza hacia la profesionalización del agro" en *La Voz de Galicia* 5.08.2001.

PVa VÁZQUEZ, Pura (1959): "Os bois" en *Eufonía. Rimas y glosas de la poesía gallega.* Buenos Aires (1958-1959). 2, set 1959, 16. Ed. Facsimilar do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela 2005.

PVi VIGNAUD, Pierre (2004): *L'art du taureau. Préhistoire et Antiquité. Textes et dessins de Pierre Vignaud. Préface de Pierre Dupuy.* Éditions Cairn, Pau.

Queixa Queixa, Chandrexa de Queixa (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Queizán Liñares, Queizán, Navia de Suarna (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Quir. Quireza, Cerdedo (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Quiro. Quiroga (LU). FOLE, Anxel (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Rábade Rábade (LU). SANTAMARÍA ZAPATERO, Covadonga (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Rabal Rabal, Chandrexa de Queixa (OU). RIVAS QUINTAS,

Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Rabeda Santiago da Rabeda, Taboadela (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Rabiño Rabiño, Cortegada (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

RAG AIRA GONZÁLEZ, Raquel (2007): "Nomes das vacas en Galicia" en MÉNDEZ, L. e NAVAZA, G. (eds.) (2007): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega 'Frei Martín Sarmiento'.* Asociación Galega de Onomástica, Real Academia Galega. Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela; 551-572.

Raiaseca RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé e LOURENÇO FONTES, António (2004): *Mitos, crenzas e costumes da Raia Seca. A máxica fronteira Galego-Portuguesa.* Ir Indo Edicións, Vigo.

Ram. Ramirás (OU). ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Ram1 Ramirás (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Rama. A Ramallosa, Nigrán (PO). CHARRO TEMES, M. Pilar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Ramil Ramil, Castro de Rei (LU). SÁNCHEZ DEL VALLE FERNÁNDEZ, Socorro (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Randín Randín, Calvos de Randín (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Randín2 Calvos de Randín (OU). L[ÓPEZ] CUEVILLAS, Florentino e LOURENZO, Xoaquín (1930): *Vila de Calvos de Randín.* Seminario de Estudos galegos. Sant'lago de Compostela.

Randu. Randufe, Tui (PO). GÓMEZ GONZÁLEZ, Raquel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

RARE RAMOS ESPINAL, Rosa Alicia (1982): "'La corrida del gallo': drama de carnaval" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 33,98, 1982, 588.

RAT ARMADA TEIXEIRO, Ramón (1898-2002): *Aturuxos. Coleución de cantares gallegos por.... Prólogo de Manuel Curros Enríquez*. Imp. y Pap. 'La Universal', Habana 1898. Reedición facsimilar do Centro Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela 2002.

Raxó Raxó, Poio (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Razo Razo, Carballo (C). VECINO TOMÁS, Fernando (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega. GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

RBG-I SÁNCHEZ GARCÍA, Luciano e outros (1992): *Razas Bovinas Autóctonas de Galicia. I. Razas morenas gallegas (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá e Vianesa). Recursos xenéticos a conservar*. Dirección Xeral da Producción Agroalimentaria e Industrias Alimentarias. Xunta de Galicia, Pontevedra.

RC CABANILLAS, Ramón (1951): *Antífona da Cantiga.* Galaxia, Vigo.

RC2 CABANILLAS, Ramón (1959): "Da Terra Asoballada" en *Obra completa.* Ediciones Galicia del Centro Gallego de Buenos Aires.

RCa CARBALLO, R. (1932): "Fiestra ô mar e â cibdade" en *Vieiros*. Suplemento XL de *Nós*, marzal 1932, 5.

RCC CARBALLO CALERO, R. (1976): CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA*: Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós.* Galaxia, Vigo, 130-131.

RCar C(ARUNCHO), R(icardo): "Cantares y refranes gallegos. Recogidos directamente del pueblo por R.C." en *Diario de Avisos de La Coruña,* 30.10.1888.

RCl RIELO CARBALLO, I. (1989): *Cancións galegas.* Diputación Provincial, Lugo.

RCS CONDE SALGADO, Ricardo (1919): "O que foi" en *Nós. Páxinas gallegas do Diario da Cruña El Noroeste* 9.03.1919, 104. Ed. facs.: Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2001.

RdC1 CASTRO DE MURGUÍA, Rosalía (1880): *Follas novas. Versos en gallego por Rosalía Castro de Murguía precedidos de un prólogo de Emilio Castelar.* Editor La Propaganda Literaria, La Habana. Reed. facsímile Ed. do Castro, Sada 1982.

RdC2 CASTRO, R. de (1946-1947): "Conto gallego" en BOUZA BREY, Fermín: "Escritos no coleccionados de Rosalía Castro (VI)" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* II, 6, 1946-1947, 284-294.

Rebo. Rebordáns, Tui (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Rece. Retorta, Recemel, As Somozas (C). López Albariño, Xosé.

Redo. Redondela (PO). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Redo1 Redondela (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Régoa Régoa, Cedeira (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo. O informante considera Régoa como un lugar de San Andrés de Teixido.

Regue. Reguengo, Vilamarín, Vilamarín (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Rendal Trasirexe, Rendal, Arzúa (C). HERNÁNDEZ GALLEGO, M. Araceli (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Requi. Guntimil, Requiás, Muíños (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

RFM FERNÁNDEZ MATO, Ramón (1916): "El 'Celita': en

donde se alaba la persona y el "arte" de este torero gallego, y se urden unas finas ironías a cuenta del 'Conde de Cela'" en *Suevia*, Buenos Aires, 3, 5.2.1916; VII. [Pontevedra, diciembre de 1915].

RGA GARCÍA ÁLVAREZ, M. Rubén (1969): "Moneda y precios del ganado en la Galicia altomedieval" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXIV, 72-73-74, 1969, 363-394.

RGA1 GARCÍA ÁLVAREZ, Manuel Rubén (1980): "Ribadavia: la Virgen del Portal y su capilla" en *Boletín de Estudios del Seminario Fontán-Sarmiento de hagiografía, toponimia y onomástica de Galicia*, año 3, 1, octubre-diciembre 1980.

Rianxo Rianxo (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Rianxo1 Rianxo (C). Crujeiras, Pilar.

Rib-E Vilaboa, Ribeira, A Estrada (PO). PÉREZ FERNÁNDEZ, Daniel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Rib-S A Ribeira, Navia de Suarna (LU). POZO ANDRÉS, Fernando del (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Rib. .Terra do Ribeiro (OU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Rib1 .Terra do Ribeiro (OU). RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Galaxia, Vigo I (1958), II (1960), III (1961).

Rib2 .Terra do Ribeiro (OU). Rodríguez Álvarez, Manuel.

Rib3 .Terra do Ribeiro (OU). Collarte Docampo, M. Carme (1986).

Rib4 .Terra do Ribeiro (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Riba. Ribadeo (LU). LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente (1954): *Refraneiro galego.* Manuscrito inédito de 1954. Fondo de Bibliófilos Gallegos no Museo de Pontevedra.

Riba1 Ribadeo (LU). LANZA, Francisco (1933): "Falan os de Ribadeo" en *Nós* 1933, 114, 146-154; 116, 169-172; 118, 207-211.

Riba2 Ribadeo (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Riba3 Ribadeo (LU). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Riba4 Ribadeo (LU). MORENO SOLANA, C. (1955): "Latín 'mulgere'" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI, 1955, 390-395.

Ribad. Ribadumia, Ribadumia (PO). OTERO COTÓN, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Ribada. Ribadavia (OU). Monteagudo Romero, Xaquín (2004).

Ribada2 Ribadavia (OU). PARRILLA HERMIDA, M. (1958): "El Corpus en Ribadavia. Normas para la formación de la procesión del Corpus Christi en Ribadavia en el siglo XVI" en *Boletín de la Real Academia Gallega* 28, 1958, 114-121.

Ribe1 Ribeira (C). FERNÁNDEZ REIRIZ, Xoana M. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Ribe2 Laxes, Ribeira, Ribeira (C). SARASQUETE OTERO, Tareixa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Ribe3 Ribeira (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Ribela Ribela, A Estrada (PO). Barreiro Somoza, Manuel (1951).

Ribela1 Ribela, A Estrada (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Ribó Ribó, Torán, Taboadela (OU). SALGADO PÉREZ, Adolfo (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega. A nosa fonte escribe *Rivo.*

RiCa CARBALLAL, R. (1919): "O tesouro acobillado. Conto. ¡Terra a Nosa!". A Cruña, 10 Marzal de 1919. Cit. por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós.* Galaxia, Vigo 1976, 214.

Rinlo Rinlo, Ribadeo (LU). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Rioc. Río Caldo, Lobios (OU). LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente (1954): *Refraneiro galego.* Manuscrito inédito de 1954. Fondo de Bibliófilos Gallegos no Museo de Pontevedra.

Riós As Vendas da Barreira, Riós, Santa María, Riós (OU). COLEXIO PÚBLICO VENTAS DO BARREIRO: Inédito. Fondo dos Concursos García Alén. Museo de Pontevedra.

RIVERA RIVERA, Pedro (1893): "El ganado gallego. Abastecimiento de carnes de los mercados extranjeros" en *El Eco de Galicia.* Buenos Aires, 61, 30.06.1893, 3 e 62, 1893, 10.07.1893, 2.

RL ROSO DE LUNA, (¿Mario?) (1921): "O culto da Vaca Astral na Galiza" n'*A Nosa Terra* 154, 31.12.1921, 3-4 (*traduxit* Amado Carballo). Publicado orixinalmente na revista *Hesperia* traduciuno ó galego Amado Carballo sen ofrecer máis datos da publicación orixinal.

RLV LORENZO, Ramón (1975-1977): *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla. Edición crítica anotada, con introducción, índice onomástico y glosario de ---. Tomo I: Introducción, texto anotado e índice onomástico; Tomo II: Glosario.* Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo, Orense.

RMVI VALLE INCLÁN, Ramón Mª del (1929): "Cantiga de vella" en *Galicia. Revista del Centro gallego. Montevideo* 151, 1929, s.p. Reedición facsímile de Luís ALONSO GIRGADO. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela 2005. Outras reproducións poden verse como F. del RIEGO, F.: "Cantigas de vellas" en *Antoloxía de poesía galega. Do dezanove aos continuadores.* Galaxia, Vigo 1976;

219-220 (reedición na col. Biblioteca da Cultura Galega. Galaxia, Vigo 1995) e tamén en *Antología de Aniversario. Librería Follas Novas, 1971-2001.* Follas Novas, Santiago de Compostela 2001, 32-33.

RNB NÚÑEZ BARROS, Rosana (1994): "A industria do curtido en Pontedeume" en *Cátedra. Revista Eumesa de Estudios*, 1994, 7-18.

Rois Urdilde, Rois (C). COLEXIO PÚBLICO DE URDILDE (1985): *Cancioneiro Popular das parroquias de Aguasantas, Costa, Hermedelo, Leroño e Urdilde (Rois).* Recollido coa colaboración dos alumnos do Centro, por Clodio González Pérez. Colexio Público de Urdilde.

Rois2 Rois (C). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Rois3 Urdilde, Rois (C). González Pérez, Clodio.

ROP1 OTERO PEDRAYO, R. (1928): "Probremas de xeografía galega. Notas en col das formas de poboazón labrega" en *Nós* 51, 1928, 48-53; 53, 1928, 95-100.

ROP2 OTERO PEDRAYO, R. (1928): *Os camiños da vida.* Nós, A Cruña. Cit. por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós.* Galaxia, Vigo 1976, 369.

ROP3 OTERO PEDRAYO, R. (1962): *Historia de Galiza pubricada baixo a dirección de Ramón Otero Pedrayo.* Ed. Nós, Buenos Aires. Reedición Akal, Madrid. 1979.

ROP4 OTERO PEDRAYO, R. (1958-2007): "Lumbres y glorias del Corpus en Orense" en *Teoría de Galicia. Artigos esquecidos en 'Vida Gallega' 1926 –1963.* Editorial Galaxia, Alvarellos Editora, Santiago de Compostela; 234-241.

Rosal O Rosal (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Rosal2 O Rosal (PO). RIVAS QUINTAS, Elixio (1985): *A Limia: Val da Antela e Val do Medo.* Diputación Provincial de Ourense.

RP RODRÍGUEZ PORTO (1991): *El Progreso* 9.03.1991.

RPL PIÑEIRO, Ramón (1991): "Da miña acordanza" en *Grial* 111, 1991, 341-351.

RR RAMONELL, Rosa (1985): *Guía dos mariscos de Galicia.* Galaxia, Vigo.

RRIVE RIVERO, Rogelio (1924): *Galicia rindo.* Ed. do autor, Lisboa.

Rúa Rúa, Cervo (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Rubiá Rubiá (OU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Rubiás Rubiás dos Mixtos, Calvos de Randín (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Rus Alborís, Rus, Carballo (C). FERNÁNDEZ VILAS, Pilar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

RV VASQUES, Rui (1467-1468): *Crónica de Santa María de Íria. Estudo e edizón de Jose António Souto Cabo.* Cabido da S.A.M.I. Catedral, Seminario de Estudos Galegos; Santiago 2001.

Saa Busto, Saa, A Pobra do Brollón (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Sabu. Sabucedo de Montes, Cartelle (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Sabu2 Sabucedo de Montes, Cartelle (OU). GARCÍA LÓPEZ, María Tareixa Del Cristal (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Sabu3 Sabucedo de Montes, Cartelle (OU). BLANCO GIL, Xosé M. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Sada Sada (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Saiáns Saiáns, Moraña (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Saiar Sequeiros, Saiar, Caldas de Reis (PO). TENREIRO TEMES, Marta (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Salc? Salcedo? OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela. O propio Aníbal Otero pono con interrogante no seu índice de topónimos, por non recordar cal dos moitos Salcedos existentes en Galicia é este.

Salc. Salceda, Salceda de Caselas (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Salc1 Salceda, Salceda de Caselas (PO). Rodríguez Lago, M. Xosé (1985).

Salc2 Salceda de Caselas (PO). Pérez Pérez, Leoncia (1986).

Salc3 Salceda, Salceda de Caselas (PO). Míguez López, María C. e Alonso, Luís (1986).

Salc4 Soutelo, Salceda, Salceda de Caselas (PO). Castiñeira González, Saltina (1986).

Salc5 Salceda, Salceda de Caselas (PO). Coto Rodríguez, María Dores e Manuel (1986).

Salg. Salgueiros, Dumbría (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Saln. .Terra do Salnés (PO). Lajos Guillán, Manuel (1986).

Saln1 .Terra do Salnés (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Saln2 .Terra do Salnés (PO). SARMIENTO, Fr. Martín (1754-1973): *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega.* Edición de J.L. Pensado, Univ. de Salamanca.

Saln3 .Terra do Salnés (PO). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Saln4 .Terra do Salnés (PO). Lorenzo Fidalgo, Agostiño (1986).

Saln5 .Terra do Salnés (PO). Serantes Torres, Ramón (1997).
Salv. Salvaterra de Miño (PO). Ferro Ruibal, Xesús (1986).
Salv1 Salvaterra de Miño (PO). Míguez López, María C. e Alonso, Luís (1986).
Salv2 Salvaterra de Miño (PO). Pérez Pérez, Leoncia (1986).
Salv3 Salvaterra de Miño (PO). CAMAFEITA PAZOS, Josefina (1979): *Notas léxicas y etnográficas del ayuntamiento de Salvatierra de Miño*. Tesis de Licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela, julio 1979.
Sami. Samieira, Poio (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.
Samos1 Samos (LU). Quiroga Curial.
Samos2 Samos (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.
Samos3 Samos (LU). GARCÍA FERNÁNDEZ, Ruth (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
San. Santaia, Gorgullos, Tordoia (C). VARELA GONZÁLEZ, Francisca (1975-1985): *A fala de Santaia.* Memoria de licenciatura Universidade de Santiago 1975. Inédita. Citada tamén en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.
San-C A Cancela, Santaia de Curtis, Curtis (C). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia*. Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.
Sandiás Sandiás (OU). SANTANA, Urbano (1931): "Resume xeneral de folk-lore de Sandiás" en *Nós* 89, 1931, 94; 90, 1931, 109-114; 93, 1931, 165-168.
Sandiás2 Coalloso, Sandiás, Sandiás (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.
Sang. Sanguiñeda, Mos (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.
Sang1 Sanguiñeda, Mos (PO). Rodríguez, Esther (1986).
Sang2 Sanguiñeda, Mos (PO). Tourón, Purificación (1986).
Santa. O Carrizo, Santaballa, Vilalba (LU). ANSEDES PÉREZ, Hermesinda (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega. Nesta sigla incluímo-las voces que a informante dá do Carrizo pero tamén de Trastoi e de Vilaxoán, tres lugares da mesma parroquia de Santaballa.
Santi. San Román, San Román, Santiso (C). BERCIANO NIDALES, Fortunato (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Sardi. Sardiñeiro, Fisterra (C). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.
Sardo. Sárdoma, Vigo (PO). GERMADE, A. (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.
Sarre. Sarreaus (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.
Sarre2 Sarreaus (OU). Veiga Novoa, Cristina (2007).
Sarria1 Sarria (LU). Ferro Ruibal, Xesús (2005).
Sarria2 Sarria (LU). VÁZQUEZ CUESTA, Mª Pilar (1947): "Nombres de la coyunda" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III, 1947, 106-110.
Sarria3 Sarria (LU). LÓPEZ CASTRO, Mª X. (1990): *A fala de Sarria (Lier, Calvor e Castelo). Estudio fonético e léxico.* Tesiña de Licenciatura, Facultade de Filoloxía, Universidade de Santiago de Compostela.
Sarria4 Sarria (LU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.
Sarria5 Sarria (LU). Cañizo Durán, Leopoldo (2005).
Sarria6. Sarria (LU). GALLEGO SEARA, Manuel (1920): "[Datos etnolingüísticos] Recollidos por Manuel Gallego Seara, alumno da escola Normal d'Ourense na parte de Sarria, provincia de Lugo. Arquivo filolóxico e etnográfico de Galizia" en *Nós* 2, 1290, 16.
Saudade Anónimo (1943): *Saudade. Verba galega nas Américas. México DF*, *1942-1953*. 3.05.1943, 24. Ed. facsímile do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela 2008.
SCD CASTELAO DIÑEIRO, Santiago (1991): *Refranero berciano.* Lancia, León.
SCD2 CASTELAO DIÑEIRO, S. (1994): "O refraneiro berciano e o calendario tradicional". *II Xornada da cultura e da lingua galegas no Bierzo.* Vilafranca do Bierzo, 21 de agosto 1994, 11-12.
SCHU1 SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón (1982): *Cancioneiro galego de tradición oral.* Fundación Pedro Barrié de la Maza, La Coruña.
SCHU2 SCHUBARTH, Dorothé e SANTAMARINA, Antón (1984-1995): *Cancioneiro Popular Galego.* Fundación Pedro Barrié de la Maza, La Coruña, Vol. I, 1984; Vol. II, 1986; Vol. III, 1987; Vol. IV e V, 1988; Vol. VI, 1993; Vol. VII, 1995.
SCibrao San Cibrao, Lieiro, Cervo (LU). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.
SCilla Santa Cilla do Valadouro, Foz (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): *Contribución al Diccionario Gallego*. F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967 e "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976.
SComba Santa Comba (C). SECO FERNÁNDEZ, Ramón (1985): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.
SComba1 Santa Comba (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego*. Alvarellos, Lugo.

Seix. Seixosmil, Meira (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Sende. Sendelle, Boimorto (C). SALGUEIRO RODRÍGUEZ, Ana M. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Seo. Seoane, Os Vaos, A Fonsagrada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Seoane Seoane, Folgoso do Courel (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Seoane2 Mercurín, Seoane, Folgoso do Courel (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anexo 8 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Universidad de Santiago de Compostela.

Sera. Serantes, Ferrol (C). MORENO SOLANA, C. (1955): "Latín 'mulgere'" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI, 1955, 390-395.

Sete. Setecoros, Valga (PO).

Sete-L Seteventos, O Saviñao (LU). SÁNCHEZ RODRÍGUEZ, Mª Helena: *A fala da parroquia de Seteventos.* Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela, s/d.

Sete-S Reboredo, Seteventos, Sarria (LU). LÓPEZ PÉREZ, Mª Pilar (1966 ss.): *Las enfermedades: algunos remedios tradicionales.* Inédito do Arquivo do Instituto da Lingua Galega, s/d.

SGHN SOCIEDADE GALEGA DE HISTORIA NATURAL (1995): *Atlas de Vertebrados de Galicia I: Peixes, anfibios, réptiles e mamíferos.* Sociedade Galega de Historia Natural. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela.

SG-JM GARCÍA, Santi – MIRA, Jorge (2000): "La vaca, un animal muy curioso" en *La Voz de Galicia* 2.7.2000. "Los domingos de la Voz" 6-7.

Sille. Silleda (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Simes Simes, Meaño (PO). Serantes Torres, Ramón (1997).

SIRO LÓPEZ, Siro (1996): *Castelao humorista.* Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Plñeiro. Santiago de Compostela.

Sis. Sismundi, Cariño (C). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Universidad de Santiago de Compostela.

Sisán Sisán, Ribadumia (PO). BARREIRO RODRÍGUEZ, Xacinto (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Sisto Sestos, O Sisto, Dozón (PO). FERNÁNDEZ PIÑEIRO, Amada (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

SL LORENZANA, SALVADOR (Fernández del Riego, Francisco) (1985): "O culto da vaca astral en Galicia e a vacamóvil" en *Grial* 88, 1985, 259-260.

Sob. Sobrado (C). LÓPEZ TABOADA, M.C. (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Sob1 Folgoso, Sobrado (C). Lodeiro, María do Carme.

Sob2 Sobrado (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Sob3 Sobrado (C). Lodeiro, María do Carme.

Sob4 Sobrado (C). Castro López, José.

Sober Sober (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Sober2 Sober (LU). NÚÑEZ GONZÁLEZ, José Ramón (1966 ss.): *Nomes do ganado nas aldeas de Canabal, Proendos, Sistín do Mato e Moradela (Municipio de Sober).* Traballo inédito no Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Sobrán Eiviño, Sobrán, Vilagarcía de Arousa (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

SOBREI SOBREIRA, P. (1787-1805-1979): *Papeletas de un diccionario gallego.* Edición y estudio crítico por J. L. Pensado. Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo" , Orense.

Sofán Sofán, Carballo (C). RODRÍGUEZ CARRACEDO, Xesús (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Sofán1 Sofán, Carballo (C). Eirís Cabeza, Guillermo (1951).

Somo1 Carballeira, Somoza, A Estrada (PO). SANMARTÍN LORES, Matilde M. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Somo2 Vila de Baixo, Somoza, A Estrada (PO). ÁLVAREZ VILAR, Virxinia (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Somo3 Somoza, A Estrada (PO). BOUZA BREY, F. (1931): "Folklore de San Andrés de Somoza, concello da Estrada, en Terra de Tabeirós" en *Nós* 93, 1931, 161-165.

Sou1 Soutomaior (PO). Cruceiro, Manuel do (1986).

Sou2 Soutomaior (PO). Soto, Francisco (1986).

Sou3 Soutomaior (PO). Ocampo Táboas, Juan (1986).

Souto Souto, A Estrada (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

SPF PÉREZ FERNÁNDEZ, S. (1920): "Archivo filolóxico e etnográfico de Galizia" en *Nós* 2, 1920, 17.

SPP PORTELA PAZOS, Salustiano (1920): "Refranes gallegos recogidos en la provincia de Pontevedra" en *Ultreya* 13, 1920, 203-204; 14, 1920, 218; 16, 1920, 251; 18, 1920, 279; 19, 1920, 295; 20, 1920, 320.

ST TORO, Suso de (1992): *Land Rover.* Xerais, Vigo.

ST-PB TORO, Suso de e BARRO, Pepe (1999): "O leite callado" en *La Voz de Galicia* 24.04.1999.

STF TORRES FERRER, Sabino (1985): "No río de Tomeza" en PORTELA PAZ, A. (ed.): *Pontevedra, Boa Vila.* Pontevedra (sen paxinar). Facsímile da Xunta de Galicia, Pontevedra 1985.

Suarn. Suarna, A Fonsagrada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Suarna .Val do Suarna (LU). SANTAMARINA FERNÁNDEZ, Antón (1985): en GARCÍA, Constantino (1985):

Glosario de voces galegas de hoxe. Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Suevos Suevos, Arteixo (C). CASTELO VALEIRO, Xosefa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Sxenxo Sanxenxo (PO). Montes García, José (2004).

Tab. Vilar, Vilar, Silleda (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela. Aníbal Otero denominaba esta parroquia como *Villar de Taboada* pero hoxe Vilar e Taboada son dúas parroquias limítrofes, no concello de Silleda e supoñemos que se refería á primeira.

Tab1 A Ponte Taboada, Taboada, Silleda (PO). PENSADO CASTIÑEIRAS, Luísa F. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Taba. Tabagón, O Rosal (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Taboa. Taboada (LU). MARTÍN LOSADA, Pedro R. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Tabor. Taborda, Tomiño (PO). JAMARDO GONZÁLEZ, Nicolás (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Talla. Tállara, Lousame (C). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Talla2 Tállara, Lousame (C). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Talla3 Tállara, Lousame (C). Castro Ces, Andrés (1958).

Tame. Tameirón, A Gudiña (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

TapiaC Tapia, Ames (C). MARTÍNEZ PORTO, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

TapiaO Tapia, Castropol (Oviedo). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

TCha Terra Cha (LU). RIELO CARBALLO, Isaac (1980): *Cancioneiro da Terra Cha (Pol).* Ed. do Castro, Sada.

TCha2 Terra Cha (LU). IGLESIAS ALVARIÑO, A. (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

TCha3 Terra Cha (LU). REGUEIRA FERNÁNDEZ, Xosé Luís (1991): *A fala do norte da Terra Cha.* Memoria de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela, abril 1991.

TCu. CUPAIOLO, Teresa (1939): *Virgilio. Georgicon. Liber quartus. Introduzione e commento di...* Carlo Signorelli Editore, Milano.

Tea .Ribeiras do Tea (PO). BOUZA BREY, Fermín e BOUZA BREY, Luís (1929): "Cancioeiro das ribeiras do Tea" en *Nós* 63, 1929, 41-51.

Tebra Tebra, Tomiño (PO). FRANCO GRANDE, X.L. (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Tebra2 FRANCO GRANDE, X.L. (1973): "A festa das sete vacas, en Tebra. ¿Reminiscencias dun vello culto xermánico?" en *Grial* 39, 1973, 10-34.

Teno. Tenorio, Cotobade (PO). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Teno2 Tenorio, Cotobade (PO). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Teo Teo (C). MÍGUEZ BEN, Miguel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

TerGal http://www.terneragallega.com/

TerGal-MPG VARIOS (2006): *A gandaría, tesouro de Galicia.* Indicación Xeográfica Protexida Ternera Gallega-Museo do Pobo Galego; s.l.

TerP ANÓNIMO (1936): *La tertulia de Picaños, 1936.* Cit. por CÁTEDRA DE LINGÜÍSTICA E LITERATURA GALEGA: *Prosa Galega 1. Desde os primeiros oitocentistas ao grupo Nós.* Galaxia, Vigo 1976.

Tioira1 Tioira, Maceda (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Tioira2 Carguizoi, Tioira, Maceda (OU). Estévez Pascual, Narciso (1986).

Tioira3 Carguizoi, Tioira, Maceda (OU). Pascual Pascual, Remedios (1986).

Tirán Tirán, Moaña (PO). Ferro Ruibal, Xesús (1987).

TMILG TESOURO MEDIEVAL INFORMATIZADO DA LINGUA GALEGA (TMILG). Instituto da Lingua Galega [http://ilg.usc.es/tmilg].

TMon1 .Terra de Montes (PO). Lajos Guillán, Manuel (1986).

TMon2 .Terra de Montes (PO). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

TMou MOURE, Teresa (2009): "O meu veciño Tomé" en LOBATO, Xurxo (2009): *No País das vacas.* Xerais, Vigo; 44.

TMP *O Tio Marcos d'a Portela* (1876-1889). Englobamos nesta sigla tódalas colaboracións sen sinatura que, probablemente, corresponden ó editor Valentín Lamas Carvajal e que non identificamos como anónimas. Seguen os díxitos de identificación. Véxase tamén **MP**.

Toba Toba, Cee (C). LÓPEZ FACAL, Susana (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Torne. Torneiros, O Porriño (PO). Iglesias Veiga, Mª Pilar (1986).

TORRE TORRE (1986): "Una vaca a medias" en Suplemento Galicia en *La Voz de Galicia* 20.09.1986.

Tourón Tourón, Ponte Caldelas (PO). Ferro Ruibal, Xesús (1987).
TP TRAPERO PARDO, X.: *El Progreso* Lugo. Passim.
Tras. Domiz. Traestrada, Riós (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2010).
Trasal. Trasalba, Amoeiro (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.
Trazo Trazo (C). Viqueira Liñares, Clara (1997).
Trives Pobra de Trives, A (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.
Trives1 Pobra de Trives, A (OU). MORENO SOLANA, C. (1955): "Latín 'mulgere'" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI, 1955, 390-395.
Trives2 .Terra de Trives (OU). RUÍZ LEIVAS, Cristovo (2003): "Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003, 371-387.
Troán1 Troáns, Cuntis (PO). MÉNDEZ BÚA, Xosé Luís (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Troán2 Troáns, Cuntis (PO). López Torres, Fernando (1999).
Tui Tui (PO). Benavente Jareño, Pedro (2000).
Tui1 Tui (PO). RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958-1961): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano.* Galaxia, Vigo I (1958), II (1960), III (1961).
Tui2 Tui (PO). De Dios Díez, Mª Flor (1986).
Tui3 Tui (PO). FERNÁNDEZ COSTAS, Manuel (1952): "Juegos infantiles en la comarca de Tuy" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* 8, 1952, 633-676.
Tui4 Tui (PO). Diz Gamallo, Inés (1998).
TVF VIDAL FIGUEIROA, Tiago (1993): "Sobre gándaras e brañas" n *'A Silveira* 2, primaveira 1993, 27-29.
UCA1 CARRÉ ALDAO, Uxío (1926): "Coleición de refrans de almanaque" en *Nós* 35, 1926, 6-8; 36, 1926, 13-18.
UCA2 CARRÉ ALDAO, Eugenio (1908): "Refranero gallego" n'*A Nosa Terra* 22 (12.01.1908) - 51 (20.08.1908).
UCA3 CARRÉ ALDAO, E. (1936-1980): *Geografía General del Reino de Galicia. Dirigida por F. Carreras Candi. Provincia de La Coruña.* Tomos I-VI por Eugenio Carré Aldao. Casa editorial Alberto Martín, Barcelona. s.a. (1936) (Reedición facsímile de Ediciones Gallegas S.A., La Coruña 1980).
Ulloa Ulloa, Palas de Rei (LU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.
Ulloa2 .Terras da Ulloa (LU). GONZÁLEZ LOUZAO, Marta (2007): "Os nomes das vacas na comarca da Ulloa" en MÉNDEZ, L. e NAVAZA, G. (eds.) (2007): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica Galega 'Frei Martín Sarmiento'.* Asociación Galega de Onomástica, Real Academia Galega. Instituto da Lingua Galega, Santiago de Compostela; 613-624.
Umia .Terras do Umia e do Ulla (PO). Lajos Guillán, Manuel (1986).
Val-LE Santa Lucía, Valdueza, Valdueza (LE). GARCÍA MERAYO, Gonzalo (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Vala. Ferreira, O Valadouro (LU). PRADO FERNÁNDEZ, Margarida (1971-1985): *Vocabulario de Ferreira del Valle de Oro.* Tese de Licenciatura. Universidad de Santiago de Compostela, octubre 1971. Ver tamén GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.
Vala1 Ferreira, O Valadouro (LU). LORENZO LORENZO, M. Ersilia (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Valad1 Valadares, Vigo (PO). Míguez López, María C. e Alonso, Luís (1986).
Valad2 Valadares, Vigo (PO). QUINTAS RODRÍGUEZ, Gloria (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Valad3 O Souto, Valadares, Vigo (PO). PEDROSA RÚA, M. Cristina (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Vald. .Terra de Valdeorras (OU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.
Vald1 .Terra de Valdeorras (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.
Vald3 .Terra de Valdeorras (OU). GAYOSO DÍAZ, Xosé (1983): "Contos. Refrais" en *Cadernos do Instituto de Estudios Valdeorreses* 3, 1983, 95-98.
Vald4 .Terra de Valdeorras (OU). ANÓNIMO (1980): "Refrais" en *Cadernos do Instituto de Estudios Valdeorreses* 1, 1980, 73.
Vald5 .Terra de Valdeorras (OU). GARCÍA NÚÑEZ, Arturo (1980): "Acordóuseme a aguillada" en *Cadernos do Instituto de Estudios Valdeorreses* 1, 1980, 70.
Vald6 .Terra de Valdeorras (OU). RUÍZ LEIVAS, Cristovo (2003): "Fraseoloxía e terminoloxía dos cogomelos" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 4, 2003, 371-377.
Vald7 .Terra de Valdeorras (OU). RODRÍGUEZ DE PORTELA, Carmen: "Pedro Malas" en *Cadernos do Instituto de Estudios Valdeorreses.* 1, 1980, 74.
Vale Vale, Vale, Baralla (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1967): *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.
Valen. Portoquintáns, Valencia, Coristanco (C). GARCÍA PIÑEIRO, M. Pilar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.
Valga Valga (PO). Lajos Guillán, Manuel (1986).
Vboa. Vilaboa (PO). Ocampo Táboas, Juan (1986).
Vboa2 Vilaboa(PO). Fuente, Rosalía de la (2008).
Vboi. Vilarboi, Monfero (C). Díaz García, Antonia.
Vbol. Vilabol de Suarna, A Fonsagrada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.
VCas Vilar de Cas, Maceda (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.
VCN SANJUÁN LÓPEZ, A. e outros (1991): *Vocabulario das Ciencias Naturais.* Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.
Vcova. Vilacova, Lousame (C). CASANOVA FEAL, Sofía

(1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

VD VENTÍN DURÁN, J. A. (1942-2007): *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral.* Anexo 1, 2007 de *Cadernos de Fraseoloxía Galega.* Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Real Academia Galega.

Vedra Sobredo, Vilanova, Vedra (C). ÁLVAREZ GONZÁLEZ, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Veiga Regada, San Paio de Veiga, Celanova (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Velle1 Velle, Ourense (OU). LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino e outros (1936): *Parroquia de Velle.* Seminario de Estudos Galegos, Compostela MCMXXXVI.

Velle2 SILVA, R. (1928): "Freguesía de Velle (Ourense)" en "Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza" en *Nós* 57, 1928, 175.

Ver1 Verín (OU). TABOADA CID, Manuel (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Ver2 Verín (OU). Delgado Delgado, Bernardo (1986).

Ver3 Verín (OU). Conde Rodríguez, Vicente (1986).

Ver4 Verín (OU). PEREDA ÁLVAREZ, José M. (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Ver4b Verín (OU). PEREDA ÁLVAREZ, José M. (1953): "Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega" en *Douro-Litoral* (Porto), 5ª série, VII-VIII, 1953, 19-52.

Ver5 Verín (OU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Ver6 Verín (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Ver7 TABOADA CHIVITE, J. (1959): "Folklore de Verín" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XV, 1959, 292-312.

Verdía Lobra, Verdía, Santiago de Compostela (C). REBOLLAR QUIRÓS, M. Tareixa (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Verdu. Verducido, A Lama (PO). CAL GONZÁLEZ, Ana M. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Veste. Recón, Vilaesteva, O Saviñao (LU). RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, Mª Pilar (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

VFA FEIJOO ARES, Vicente: *Os nomes das pedras.* Datos aínda inéditos ofrecidos polo autor da investigación (2010).

VFrore. Vilar de Flores, Os Espiñeiros, Allariz (OU). RODRÍGUEZ GÓMEZ, Xosé Emilio (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

VG VARIOS (1983-1994): Suplemento "Galicia". *La Voz de Galicia* 1983-1994.

VG2 *La Voz de Galicia.* Os díxitos que aparecen despois dos dous puntos indican o día, o mes e mailo ano de publicación do dato que se cita.

Vgar. Vilagarcía de Arousa (PO). Benavente Jareño, Pedro (2003).

VGD GARCÍA DE DIEGO, V. (1909): *Elementos de Gramática Histórica Gallega.* Burgos 1909. Reedición facsímile. Anexo 23 de *Verba.* Universidade de Santiago 1984.

VGR GARCÍA REY, Verardo (1934): *Vocabulario del Bierzo.* Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, Centro de Estudios Históricos, Madrid 1934. (= *Archivo de Tradiciones Populares* IV) Reedición facsímile de Ed. Nebrija, León 1979.

Viana Viana do Bolo (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Viana1 Viana do Bolo (OU). PRIETO, Laureano (1958): *Contos vianeses.* Galaxia, Vigo.

Viana2 Viana do Bolo (OU). RODRÍGUEZ CRUZ, Xosé (2000): *Así falan na Gudiña.* Deputación Provincial de Ourense.

Viana3 Viana do Bolo (OU). Vidal Castiñeira, Ana (2005).

Viana4 Viana do Bolo (OU). PEREDA ÁLVAREZ, José María (1953): "Aportaciones léxicas y folklóricas al estudio de la lengua gallega" en *Douro-Litoral* (Porto), 5ª série, VII-VIII, 1953, 19-52.

Viana5 Viana do Bolo (OU) FERRO RUIBAL, Xesús; GROBA BOUZA, Fernando (1951-2009): 'Dichos y refranes en dialecto vianés' de Laureano Prieto (1951) (ms. RAG-C170/5) en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11,2009,259-282.

Vide Os Milagros, Vide, Baños de Molgas (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

Vigo Vigo (PO). Fernández Lopo, M. Edith (2001).

Vigo1 Vigo (PO). Ferro Ruibal, Xesús (2003).

Vigo2 Vigo (PO). Fernández Guianes, Antonio.

Vigo3 Vigo (PO). De Dios Díez, Mª Flor (1986).

Vigo4 Vigo (PO). MORENO SOLANA, C. (1955): "Latín 'mulgere'" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XI, 1955, 390-395.

Vigo-O Vigo (Oviedo). GARCÍA SUÁREZ, Alfredo (1950): "Contribución al léxico del asturiano occidental" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VI/2, 1950, 264-300.

Vil. Vilardevós (OU). GIL SUÁREZ, M. Carme (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Vil2 Vilardevós (OU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Vila. Vilaquinte, Cervantes (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Vilaf. Gonce, Vilafiz, Friol (LU). CORTIÑA VÁZQUEZ, Serafín: *Anotaciones sobre el léxico de Gonce (Friol).* Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela s.d.

Vilam. Vilamarín (OU). Caramés Rodríguez, Luís (1986).

Vilama. Vilamartín de Valdeorras (OU). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Vilar Campolongo, Vilar, Pontedeume (C). RODRÍGUEZ HORTA, Xoán X. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

VilarM O Caeiro, Vilar, Mondariz (PO). OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Lugo.

Vilaxe Vilaxe, Vilaboa, Valdoviño (C). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Vilela Vilela, Rodeiro (PO). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

Vilela-LU Vilela, Taboada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1949-1976): "Hipótesis etimológicas referentes al gallego-portugués" I-XXX en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 1949-1976 ou en *Contribución al Diccionario Gallego.* F. Penzol-Galaxia, Vigo 1967.

Vill-O Villaoril, Navia (Oviedo). SUÁREZ MÉNDEZ, María X. (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Vill-O2 Villaoril, Navia (Oviedo). GARCÍA SUÁREZ, Alfredo (1950): "Contribución al léxico del asturiano occidental" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VI/2, 1950, 264-300.

VIÑO ANÓNIMO (1968): *Refraneiro do viño. 505 sentenzas recollidas do pobo.* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 3).

VIÑO2 ANÓNIMO (1968): *Cantigas do viño.* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 6).

Viñoás Viñoás, Nogueira de Ramuín (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Viso1 O Viso, Redondela (PO). RODRÍGUEZ DE ARRIBA, M. Carme (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Viso2 O Viso, Redondela (PO). MARTÍNEZ VIDAL, Ramón (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

VITERBO VITERBO, Joaquim de Santa Rosa de, O.F.M. (1798-1865): *Elucidário das palavras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram. Obra indispensavel para entender sem erro os documentos mais raros e preciosos que entre nós se conservam. Publicado em benefício da litteratura portugueza por...* Lisboa, em casa do editor A.J.Fernandes Lopes, Segunda edição 1865.

Viuxe. Vilaúxe, Chantada (LU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Vi-Val. Vilaboa, Valdoviño (C). PÉREZ GARCÍA, Manuel (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Vivanco VIVANCO, F., PALACIOS, J.M. e GARCÍA ALMANSA, A. (1976): *Alimentación y nutrición.* Dirección General de Sanidad. Programa EDALNU. Madrid.

Vive. Viveiro (LU). PEREDA ÁLVAREZ, Jose M. (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

Vive1 Viveiro (LU). SARMIENTO, Fr. Martín (1973): *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega.* Edición de J.L. Pensado, Univ. de Salamanca.

Vive2 Viveiro (LU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Vive3 Viveiro (LU). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Vive4 Viveiro (LU). ANÓNIMO: Informante anónimo do 'Refraneiro' de Vázquez Saco (1962).

Vixoán. Leizán, Vilarxoán, Incio O (LU). CAMPOS RODRÍGUEZ, M. Eva (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

VLC LAMAS CARVAJAL, Valentín (1890): *A musa das aldeas* 1890. Recollémolo de ANÓNIMO: *Xan Labrego. Antoloxía.* Edicións Castrelos (Col. O Moucho 37), Vigo 1974, 15-22.

VLQ LIS QUIBÉN, Víctor (1949): *La Medicina Popular en Galicia.* Madrid (reed. Akal, Madrid 1980).

VLQ2 LIS QUIBÉN, Víctor (1964): "Cancionero médico de Galicia" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XX, 1964, 1ª, 203-227; 2ª, 333-388.

VLLM LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente (1954): *Refraneiro galego.* Manuscrito inédito de 1954. Fondo de Bibliófilos Gallegos no Museo de Pontevedra.

VLLM2 LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente (1955): "La abeja en la paremiología" en *Boletín de la Real Academia Gallega* XXVI, 1955, 107-130. Este artigo aparece asinado por LOPEZ M-ESPERANTE, V. Temos absoluta certeza documental de que se trata dunha errata e que o autor é Vicente Luís Llópiz Méndez-Esperante.

VLLM3 LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente (1935-1936): "Diccionario Castellano-Gallego. Contiene todas las equivalencias de uso corriente en Galicia, Valle del Navia, El Bierzo y Sanabria, palabras del gallego antiguas tomadas de documentos" en *Galicia en Madrid. Órgano de Lar Gallego* 37, 1935, 1-4; 38, 1935, 5-12; 39, 1935, 13-20; 40, 1935, 13-20; 41, 1935, 21-28; 42, 1936, 29-36.

VLLM4 LLÓPIZ MÉNDEZ, Vicente (1956-2006): "Paremias selectas. Un manuscrito bonaerense (1956) de Vicente Llópiz Méndez" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 8, 2006, 265-316 (edición de Xesús Ferro Ruibal e Cristina Veiga Novoa).

VLLM5 LLÓPIZ MÉNDEZ ESPERANTE, Vicente (1956): "Paremiografía gallega" en *Alborada.* Revista do Centro Galego de Barcelona. Número de inverno de 1956; p. 20.

VMA RUIBAL CENDÓN, Inés e outros (1988): *Vocabulario do Medio Agrícola.* Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, Pontevedra.

Vmaior. Vilarmaior, Vilarmaior (C). LÓPEZ PORCA, Xosé (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

VMedo Val do Medo, Xunqueira de Espadanedo (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego.* Alvarellos, Lugo.

VMok MOKIENKO, Valerii (2000): *Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas.* Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela.

Vnova1 Vilanova de Arousa (PO). Benavente Jareño, Pedro (2003).

Vnova2 Vilanova de Arousa (PO). ALLEGUE OTERO, Gonzalo (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Vnova3 Vilanova de Arousa (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

Voudri. Vilaoudriz, A Pontenova (LU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Vpedre. Villapedre, Navia (Oviedo). GARCÍA SUÁREZ, Alfredo (1950): "Contribución al léxico del asturiano occidental" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* VI/2, 1950, 264-300.

VR RISCO, Vicente (1947): "Creencias gallegas: Tradiciones referentes a algunos animales" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III, 1947, 163-188; III, 371-400.

VR1 RISCO, Vicente (1962): "Etnografía: cultura espritual", en OTERO PEDRAYO, R. (dir.) (1962): *Historia de Galiza pubricada baixo a dirección de Ramón Otero Pedrayo.* vol. I. Editorial Nós, Buenos Aires 1962, 255-777. Reedición Akal, Madrid 1979.

VR2 RISCO, Vicente (1963): *Refraneiro galego.* Inédito.

VR3 RISCO, Vicente (1961): "Apuntes sobre el mal de ojo en Galicia" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XVII, 1961, 66-92.

VR4 RISCO, Vicente (1921): "Do culto da Vaca Astral na Galiza" n'*A Nosa Terra* 149, 15.10.1921, 5.

VR5 RISCO, Vicente (1961-1990): *Leria.* Galaxia, Vigo, 1990, 129.

VR6 RISCO, Vicente e LORENZO FERNÁNDEZ, X. (1936?): "As festas populares do tres de maio en Laza" en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* (¿VII?), s.d. 57-82. Reed. facs. Ediciones Boreal, La Coruña; s.d.

VR7 RISCO, Vicente (1947): "Contribución al estudio del lobo en la tradición popular gallega" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* III, 1947, 93-116.

VR8 RISCO, Vicente (1957): "Sobre la vida de los niños en la aldea gallega" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XIII, 1957, 227-253.

VR9 RISCO, Vicente (¿1922-1936?): "Provincia de Orense por Vicente Risco" en CARREAS Y CANDI, F. (s.d.): *Geografía general del Reino de Galicia, dirigida por...* Casa Editorial Alberto Martín, Barcelona. Reimpresión facsímile por Ediciones Gallegas, La Coruña 1980; tomos X-XI. Citamos por esta reimpresión.

VR10 RISCO, Vicente (1946): "La procesión de las ánimas y las premoniciones de muerte" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* II, 1946, 380-429.

Vrei. Viladerrei, Trasmiras (OU). GÓMEZ PENAS, M. Dores (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

VS VÁZQUEZ SACO, Francisco (1962 - 2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Cadernos de Fraseoloxía Galega* 5 (edición de Josefa Beloso Gómez, Patricia Buján Otero, Xesús Ferro Ruibal e Mª Carmen Paz Roca). Nesta fonte, complexísima en informantes, a sigla "mc" indica un mecanoscrito e a sigla "ms" seguida dun número indica un manuscrito numerado.

VS2 VÁZQUEZ SACO, Francisco (1956): Anotacións manuscritas na edición da *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* da biblioteca do Seminario de Lugo no artigo "Nomenclatura del carro gallego" de X. Lorenzo Fernández (XII, 1956, 54-113). Ver **XLF5**.

VS3 VÁZQUEZ SACO, Francisco (1962-2004): "Novo manuscrito paremiolóxico de Vázquez Saco" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6, 2004, 253-264 (edición de Mª Carmen Paz Roca e Ana Vidal Castiñeira).

VS4 VÁZQUEZ SACO, Francisco (1962-2007): "Aínda novos manuscritos paremiolóxicos de Vázquez Saco" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 9, 2007, 247-293 (edición de Mª Carmen Paz Roca e Xesús Ferro Ruibal).

VS5 VÁZQUEZ SACO, Francisco (1962): "Notas para un Dicionario de Folklore Gallego". Manuscrito inédito.

VSan. Vilar de Santos, Rairiz de Veiga (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

VT TAIBO, V. (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.

VT2 TAIBO, Victoriano (1956): *Da agra aberta. Contos e lêndas.* Vigo.

Vtose. Senande, Vilastose, Muxía (C). BARRERA, Mercedes de la (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

VV VILLANUEVA, Valeriano (1910): *Organización del cultivo y la ganadería en las regiones de pequeña propiedad del noroeste y norte. Lecciones explicadas en la IV Semana Social de España, reunida en Santiago en julio de 1909.* La Voz de Galicia, La Coruña.

Vviño. Valdoviño, Ordes (C). VIAÑO LÓPEZ, M. Purificación (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Vxoán. Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa (PO). VAAMONDE LÓPEZ, M. Concepción (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Vxoán2 Vilaxoán, Vilagarcía de Arousa (PO). RÍOS PANISSE, M.C. (1977-1983): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. Anejo* 7 (1977) de *Verba (Invertebrados y peces); Anejo* 19 (1983) de *Verba (Mamíferos, aves y algas).* Universidad de Santiago de Compostela.

WP WAYNE PERRY, Tilden (1990): *Alimentación y nutrición del ganado vacuno para carne.* Editorial Acribia, Zaragoza-Paraninfo, Madrid.

XAAP ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2008): *O léxico da vaca. Nomes baseados no físico.* Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. 209 mapas.

XAAP1 ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2006):"Estudo do campo léxico da vaca en galego" en *Interlingüística* 17, 2006,120-129. [http://dialnet.unirioja.es/servlet/fichero_articulo?codigo=2316776] [22/01/2010].

XAAP2 ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2006): "Contribución al estudio del léxico de la vaca: denominaciones para la cría" en Milka VILLAYANDRE LLAMAZARES (ed.): *Actas del XXXV Simposio Internacional de la Sociedad Española de Lingüística* (León, 12-15 de diciembre, 2005), Universidad de León 2006, 66-87, 5 mapas, [http://www3.unileon.es/dp/dfh/SEL/actas/Alvarez_Perez.pdf] [01/02/2007].

XAAP3 ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (2007): "Estudio del campo léxico de la vaca en gallego: el pescuezo" en *Dialectologia et Geolinguistica*, 15, 2007, 3-22. [http://www.reference-global.com/doi/pdf/10.1515/DIALECT.2007.001] [22/01/2010].

XAB. ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X.M. Véxase tamén **CB** e **PdR**.

XAB1 ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X.M. (1972): *O libro do porco. Recadádiva, limiar e notas de [...].* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 26).

XAB2 ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X.M. (1969): *O libro da caza. Recadádiva, limiar e notas de [...].* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 14).

XAB3 ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X.M. (1972): *Cantares de cego anónimos.* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 24).

XAB4 ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, X.M. (1964-2008): *Cantares e romances vellos prosificados. Discurso de ingreso na Real Academia Galega. 28.11.1964.* Real Academia Galega, A Coruña 2008. [http://www.realacademiagalega.org/PlainRAG/catalog/publications/files/XMAB.pdf] [17/02/2010]).

XAL ÁLVAREZ LIMESES, Gerardo (1934): *Antre dous séculos. Versos Galegos.* Prólogo de Castelao. Imprenta de Julio Antúnez, Pontevedra.

XAM ALONSO MONTERO, Xesús (1969): *Cantigas sociales. Escolma, presentación e notas de [...]* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 10).

XAM2 ALONSO MONTERO, Xesús (dir.) (1972): *Refrás da nosa xente.* Recolleitos polos alumnos de 4º B de Bacharelato do Instituto de Lugo, Ediciones Celta, Lugo.

XBC COSTA, X. Bautista (1980): *Homes donte.* Editor. Rvdo. P. Xoán Bautista Costa. Convento de los P.P. Franciscanos, Pontevedra, Enero 1980. Na páx. de créditos lese o seguinte: *Escolma dentre os leceres do frade Xoán Bautista Costa en homenaxen nas súas Bodas sacerdotáis Douro. Trindade 1930-1980. Os seus.*

XBG BABARRO GONZÁLEZ, Xoán (1993-2003): *Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística.* Tese de Doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela. Setembro 1993. Fundación Pedro Barrié de la Maza, A Coruña 2003.

XBG2 BABARRO GONZÁLEZ, Xoán (1993): *Escolma en galego de Asturias.* Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.

XC CUADA, Xan d'a (1919): "A custión d'a carne" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 52, 7.04.1919, 4-5.

XCARXM1 CUBA, X., REIGOSA, A. e MIRANDA, X. (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos.* Xerais, Vigo, 197-199.

XCARXM2 CUBA, Xoán R(amiro), REIGOSA, Antonio e MIRANDA, Xosé (2001): *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral.* Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

XCC COSTA CLAVELL, X. (1980): *Bandolerismo, romerías y jergas gallegas.* Biblioteca Gallega. Serie Nova, La Coruña.

XCL CUNS, Xulio (1995): "O velorio do tío Chinto" en *Contos populares recollidos na bisbarra betanceira.* Excmo. Concello de Betanzos.

XCL2 CUNS LOUSA, Xulio (1992): *O que non quedou no protocolo.* Excmo. Concello de Betanzos.

XCR1 CHAO REGO, Xosé (1980): *De Exipto chamei ó meu fillo.* Ediciós do Castro, Sada, 243-244.

XCR2 CHAO REGO, Xosé (1997): "O asunto ese dos cornos" en *La Voz de Galicia* 22.02.1997.

XCR3 CHAO REGO, Xosé (1991): "A fala é camiño" (Colaboracións fraseolóxicas) en *Irimia* 359-364, 1991, 12; 369, 371-376, 379, 16.

XCV CRECENTE VEGA, Xosé (2002): *Folla bricia. Poesía galega completa. Edición crítica e estudio de Ricardo Polín.* Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Santiago de Compostela.

XdM MASMA, Xan de (1993): *¡A besta!.* Galaxia, Vigo. Pseudónimo de Patricio V. Sixto Delgado Luaces.

Xegunde Xegunde, Vilabol de Suarna, A Fonsagrada (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

XER VARIOS (1986): *Diccionario Xerais da lingua.* Xerais, Vigo.

XERCG VARIOS (1990): *Diccionario Xerais Castelán-Galego de usos, frases e sinónimos.* Xerais, Vigo.

Xerdiz Xerdiz, Ourol (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Xeve Xeve, Pontevedra (PO). TABOADA GIL, Esperanza (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

XF FOUCIÑO, Xan (un dos pseudónimos de Xosé Ramón e Fernández-Oxea) (1918): "Deliraba" n'*O Tio Marcos d'a Portela* 7.11.1918, 4-5. O mesmo texto reaparece en 1947 asinado xa por RAMÓN Y FERNÁNDEZ, José co título "Feirantes" en A. PORTELA PAZ (ed.) (1985): *Pontevedra, boa vila.* Pontevedra (sen paxinar). Esta reedición modifica ademais os nomes propios de persoa e lugar axeitándoos a Pontevedra. Ver **JRF**.

XFA FUENTES ALENDE, X. (1990): "Da sanguiña e da vacaloura" en *La Voz de Galicia* 11.04.1990.

XFR1 FERRO RUIBAL, X. (1991): "Touros en Galicia" en *La Voz de Galicia* 24.08.1991.

XFR2 FERRO RUIBAL, X. (dir.) e outros (1992): *Diccionario dos nomes galegos.* Ir Indo, Vigo.

XFR3a FERRO RUIBAL, Xesús (1995): *Refráns da xustiza.* Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e Asociación de Letrados da Xunta de Galicia, A Coruña.

XFR3b FERRO RUIBAL, Xesús (1995): "¿Ternera gallega?" en *La Voz de Galicia* 21.11.1995.

XFR4 FERRO RUIBAL, Xesús (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. Discurso lido na recepción pública do 4 de maio de 1996 por don Xesús Ferro Ruibal e resposta de don Carlos Casares Mouriño. Real Academia Galega, A Coruña.

XFR5 FERRO RUIBAL, Xesús (2002): *Refraneiro galego máis frecuente.* La Voz de Galicia, A Coruña.

XFR6 FERRO RUIBAL, Xesús (2004): "Implicitación e explicitación fraseolóxica: notas galegas" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 6,2004, 57-80.

XFV ANÓNIMO (Filgueira Valverde, X.) (1936-1945): *O gaiteiro de Lugo. Calendario galego pró ano ...* Recollemos información das edicións dos anos 1936, 1938, 1939 e 1945. Véxase **JFV**.

XFV1 FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1927): "A festa dos maios" en *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos* Sant-Iago de Compostela MCMXXVII. Arquivos I, 139-203. (Reed. facs. Ediciones Boreal, Oleiros 1989; tomo IV).

XFV2 FILGUEIRA VALVERDE, Xosé e outros (1926): *Vocabulario popular galego-castelán.* Editorial de El Pueblo Gallego, Vigo.

XFV3 FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1971-1990): *Quintana viva.* Galaxia, Vigo 1971; Galaxia, Vigo 1990.

XFV41 FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1979): *Adral.* Ediciós do Castro, Sada.

XFV42 FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1981): *Segundo Adral.* Ediciós do Castro, Sada.

XFV43 FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1984): *Terceiro Adral.* Ediciós do Castro, Sada.

XFV5 FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1947): "El primer vocabulario gallego y su colector, el bachiller Olea (c.1536)" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* 2, 8, 1947; 591-608. Reedición: FILGUEIRA VALVERDE, Xosé (1992): "O primeiro vocabulario galego e o seu colector, o bachiller Olea (c. 1536) en *VII Adral*; Ediciós do Castro, Sada; 34-48.

Xinzo Xinzo de Limia (OU). Rodríguez López, M. Luz.

Xinzo1 Xinzo de Limia (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1988): *Frampas II. Contribución al Diccionario Gallego*. Alvarellos, Lugo.

Xinzo2 Xinzo de Limia (OU). Calleja, Pepe.

XinzoP Xinzo, Ponteareas (PO). GARCÍA REPRESAS, Delio (1994): *Estudio da fala de Xinzo-Ponteareas-. Contribución á lingüística descritiva do galego*. Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela, setembro 1994.

XL LAMA, Xavier (2008): *Melancolía líquida da idade das vacas*. Colección Esquío de Poesía. Esquío-Ferrol. CXI b. Ediciones de la Sociedad de Cultura Valle-Inclán, Ferrol.

XLF LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1962): "Etnografía: cultura material" en OTERO PEDRAYO, R. (dir.) (1962): *Historia de Galiza pubricada baixo a dirección de Ramón Otero Pedrayo*. vol. II. Ed. Nós, Buenos Aires. Reedición Akal, Madrid. 1979.

XLF2 LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (comp.) (1983): *Refraneiro galego.* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 63).

XLF3 LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1974): "El carro en el floklore de Galicia" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXX, 1974, 43-76.

XLF4 LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1948): "Notas lingüísticas gallegas" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* IV, 1948, 79-93.

XLF5:1 A Pedra, Cariño (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956): "Nomenclatura del carro gallego" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XII, 1956, 54-113. Xaquín Lorenzo parece situar esta información nun concello chamado *Veiga*, que non existe na provincia da Coruña. O resto da información é Cariño (lugar) en Pedra (parroquia). Cariño recentemente separouse do concello de Ortigueira, polo que situamos a información neste concello. A Veiga é parroquia, pero do concello de Ortigueira.

XLF5:2 O Calvario, A Veiga, Ortigueira (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:3 Miñaño, Luía, Ortigueira (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:4 Viveiro (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:5 O Igrexario, Ermo, Ortigueira (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:6 As Pontes de García Rodríguez (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:7 Vilaselán, Ribadeo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:8 Vilaframil, A Devesa, Ribadeo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:9 Obe, Ribadeo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:10 Franza, Mugardos (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:11 Redes, Caamouco, Ares (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:12 Areal, Cabanas, Cabanas (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:13 Elviña, A Coruña (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo pon Elviña como parroquia do concello de Oza. Tal parroquia non existe e, de por parte, sitúa ese Elviña nas proximidades da Coruña.

XLF5:14 Sada (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:15 Pousadoira, Callobre, Miño (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo parece considerar Callobre como parroquia do concello de Castro, cando as dúas son parroquias do concello de Miño.

XLF5:16 Pazo, Cazás, Xermade (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:17 Mondoñedo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:18 Ponteceso de Cabana, Cesullas, Cabana de Bergantiños (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:19 Casanova, Soesto, Laxe (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:20 Borneiro, Cabana de Bergantiños (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:21 Cintiña, Coristanco, Coristanco (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Non demos localizado este lugar de Cintiña no concello de Coristanco, que Xaquín Lorenzo escribe Curistanco.

XLF5:22 Carballo (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:23 Maceo, Coiro, A Laracha (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:24 Carral, Paleo, Carral (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:25 Aldea de Baixo, Cos, Abegondo (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:26 Betanzos (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:27 Cepeda, Oza, Teo (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Esta localización é dubidosa, porque o Oza do concello de Teo non corresponde á posición xeográfica que Xaquín Lorenzo lle asigna no mapa.

XLF5:28 Boizán, Vilalba (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:29 Señorín, Reigosa, A Pastoriza (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:30 Vilameá, A Pontenova (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo dá como concello Vilameá, pero pola posición que lle asigna no mapa debe de se-la parroquia do mesmo nome do concello da Pontenova.

XLF5:31 Santa Leocadia, Castro de Rei (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:32 Meira (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:33 San Xurxo de Piquín, Ribeira de Piquín (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo dá Piquín como lugar e parroquia do concello de Meira.

XLF5:34 Santiago de Acebo, Carballido, A Fonsagrada (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:35 A Veiga de Logares, A Fonsagrada (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:36 Castañeira, O Trobo, A Fonsagrada (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:37 Ferreirous, Fonfría, A Fonsagrada (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:38 Ordes, Toques (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Para Xaquín Lorenzo, Ordes pertence a Lugo. Pensamos que debe de se-la parroquia de Ordes do concello de Toques, próxima á fronteira coa provincia de Lugo.

XLF5:39 O Castelo, Foxados, Curtis (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:40 Outeiro de Rei (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:41 Mourisco, A Bastida, A Fonsagrada (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:42 Paradavella, A Fonsagrada (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:43 A Fonsagrada (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:44 Monteseiro, A Fonsagrada (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:45 Senande, Vilastose, Muxía (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:46 Outeiro, Baíñas, Vimianzo (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:47 Santa Comba (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:48 Quintáns, Paramos, Val do Dubra (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo cita Buxán como concello. Pero posteriormente cambiou o seu nome a Val do Dubra.

XLF5:49 Buscás, Ordes (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:50 Cristimil, Ombreiro, Lugo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:51 Lugo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:52 Silgueiro, Teixeiro, Lugo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:53 Abraira, Miranda, Castroverde (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:54 Castroverde (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:55 San Pedro de Río, A Fonsagrada (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:56 Valdeferreiros, Castañedo, Navia de Suarna (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:57 Santa María de Rao, Navia de Suarna (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:58 Redonda, Corcubión (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:59 Aro, Negreira (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo dá erroneamente Negreira como parroquia dun concello chamado Aro. Hoxe, polo menos, é ó revés: San Vicenzo de Aro é parroquia do concello de Negreira.

XLF5:60 Seares de Abaixo, San Tomé de Ames, Ames (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:61 Santiago de Compostela (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:62 Estación, Verdía, Santiago de Compostela (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo citaba Enfesta como concello, tal como era no momento da publicación do seu traballo e antes da anexión ó concello de Santiago.

XLF5:63 A Igrexa, O Pino, O Pino (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:64 Arzúa (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:65 Melide (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:66 Palas de Rei (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:67 Cerceda, O Corgo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:68 Penarrubia, Baralla (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Este concello antes chamábase Neira de Xusá e así é como citaba aínda o noso informante, aquí e mais nas siglas 70, 74 e 75.

XLF5:69 Laxosa, O Corgo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:70 Os Mazos, Neira de Rei, Baralla (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:71 Quintás, Prevediños, Touro (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:72 Santa Mariña, Castro de Amarante, Antas de Ulla (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:73 Codexás, Valderrubias, Monterroso (LU). LORENZO

FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Non demos localizado Codexás, nin Valderrubias no nomenclátor de Monterroso.

XLF5:74 Baralla (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:75 Vale, Baralla (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:76 Piornedo, Donís, Cervantes (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:77 San Román, Cervantes (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:78 Noia (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:79 Agrelo, Ribadulla, Vedra (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:80 Losón/Carbia, Vila de Cruces (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo parece considerar Losón como parroquia do concello de Carbia, cando as dúas son parroquias do concello de Vila de Cruces.

XLF5:81 Bermés, Lalín (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:82 Amoexa (*A Monxa*), Antas de Ulla (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* No Nomenclátor actual non demos localizado ningún lugar que se chame *A Monxa*. Pero é posible que *A Monxa* sexa unha errata por Amoexa, que, si, é parroquia deste concello.

XLF5:83 Esporiz, Monterroso (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:84 Becerreá (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:85 A Pintinidoira, Doncos, As Nogais (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo dá este lugar como da parroquia de Nogales, concello de Doncos. No nomenclátor aparece como da parroquia de Santo André.

XLF5:86 Vilapún, Cervantes (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:87 Cela, Cereixedo, Cervantes (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:88 Baroña, Porto do Son (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:89 Padrón (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:90 Ponte Valga, Valga, Valga (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:91 Vilavella, O Castro, Silleda (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo denomina este concello co antigo nome de Chapa, hoxe parroquia, como acontece nas dúas citas seguintes (92 e 93). O cambio de denominación, con todo, é de 1853.

XLF5:92 Rellas, Silleda (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:93 Silleda (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:94 Lalín (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:95 O Castelo, Cadrón, Lalín (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:96 Chantada (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:97 Vilanova, Laxe, Chantada (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:98 Ousende, O Saviñao (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:99 Samos (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:100 Boiro (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:101 Forno, Louro, Valga (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:102 Pozas, Dimo, Catoira (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:103 Bamio, Vilagarcía de Arousa (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo dá Bamio como parroquia do concello de Carril, outra parroquia de Vilagarcía.

XLF5:104 Cuntis (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:105 Sorribas, Forcarei, Forcarei (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:106 Ventoxo, Forcarei (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:107 A Xesta, Lalín (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:108 Cantelle, Vilela, Rodeiro (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:109 Furco, Carballedo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:110 A Vide, Monforte de Lemos (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:111 Liñares, A Pobra do Brollón (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:112 Castiñeiras, Ribeira (C). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:113 Vilagarcía de Arousa (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:114 A Lamosa, Moimenta, Campo Lameiro (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:115 Rozas, Couso, Campo Lameiro (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:116 Zobra, Lalín (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:117 Cusanca, O Irixo (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:118 Riazó, Dozón, Dozón (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:119 Loureiro, Buciños, Carballedo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:120 Trasar de Carballo, Cartelos, Carballedo (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:121 Meixaboi, Ferreira, Guntín (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:122 Pantón (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:123 Monforte de Lemos (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:124 Castro, Liñarán, Sober (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:125 Portas (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:126 Barcia, Meis, Meis (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*

XLF5:127 Pontevedra (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:128 Loureiro, Cotobade (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:129 Moreiras, Boborás (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:130 Amoeiro (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:131 Soutullo, Coles, Coles (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:132 Luíntra, Nogueira, Nogueira de Ramuín (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:133 Proendos, Sober (LU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:134 Marín (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:135 Tomeza / Mourente, Pontevedra (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo dá Tomeza como parroquia do concello de Mourente. Ben mirado, as dúas son parroquias de Pontevedra. O problema é que non sabemos en cal das dúas parroquias recolleu a información que, por parte, non son estremeiras.
XLF5:136 Abelenda, Abelenda das Penas, Carballeda de Avia (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:137 Cameixa, Boborás (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:138 O Carballiño (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:139 Loña, Velle, Ourense (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:140 A Teixeira, Lumeares, A Teixeira (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:141 Castro Caldelas (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:142 Arboiro, Medos, San Xoán de Río (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:143 Larouco (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:144 O Barco de Valdeorras (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:145 Sobradelo, Carballeda de Valdeorras (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:146 Lardeira, Carballeda de Valdeorras (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:147 O Igrexario, Ardán, Marín (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:148 Figueirido, Vilaboa (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:149 Calle, Arcade, Soutomaior (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:150 Oitavén, Fornelos de Montes (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:151 S. Clodio do Ribeiro, Leiro (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo sitúa esta información en Ribeiro. En Leiro hai un lugar denominado Ribeira¸ da parroquia de Lebosende. Pero ás veces a parroquia de San Clodio aparece como San Clodio do Ribeiro.
XLF5:152 Cristimil, Las, San Amaro (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo sitúa Cristimil e Las como do concello de Salamonde. En realidade este e Las son parroquias do concello de San Amaro.
XLF5:153 Reza, Ourense (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:154 Moreiras, O Pereiro de Aguiar (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:155 Esgos (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:156 Montederramo (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:157 Casaio, Carballeda de Valdeorras (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:158 Bon, Beluso, Bueu (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:159 Cangas (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:160 Redondela (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:161 Gargamala, Mondariz (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:162 Ribeiro, Ribadavia, Ribadavia (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:163 Cartelle (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:164 San Cibrao das Viñas (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:165 Chandrexa de Queixa (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:166 Vigo (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:167 Carracido, O Porriño, O Porriño (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:168 Pontеareas (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:169 Troncoso, Mondariz, Mondariz (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:170 A Merca (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:171 Urrós, Allariz (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Neste concello hai dúas parroquias con este nome, unha de Santa Baia e outra de San Mamede.
XLF5:172 Sabariz, Rairiz de Veiga (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:173 Pradoalbar, Vilariño de Conso (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:174 Viana do Bolo (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:175 Pradorramisquedo, Viana do Bolo (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:176 San Andrés, Pontellas, O Porriño (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:177 Arbo (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:178 Ferreiros, Padrenda, Padrenda (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:179 Celanova (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:180 Cardeita, Sandiás, Sandiás (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:181 Xinzo de Limia (OU). LORENZO FERNÁNDEZ,

Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:182 Laza (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:183 Campobecerros, Castrelo do Val (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:184 Carracedo, A Gudiña (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:185 Barrantes, Tomiño (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:186 Salvaterra de Miño (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:187 Güín, Bande (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:188 Sainza, Rairiz, Rairiz de Veiga (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:189 Facós, Lobeira, Lobeira (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:190 Cualedro (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:191 Pentes, A Gudiña (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:192 A Mezquita (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:193 Lomba, O Rosal, O Rosal (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo dábao como do concello da Guarda.
XLF5:194 Camposancos, A Guarda (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:195 Goián, Tomiño (PO). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:196 Olelas, Entrimo (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:197 A Illa, Entrimo (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:198 A Terrachá, Entrimo, Entrimo (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:199 Calvos, Santiago de Calvos, Calvos de Randín (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:200 Baltar (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:201 A Xironda, Cualedro (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5:202 Pousa, Monterrei, Monterrei (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.* Xaquín Lorenzo dáo como do concello de Verín, pero é concello propio.
XLF5:203 Verín (OU). LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1956) *Ibidem.*
XLF5(M) LORENZO FERNÁNDEZ, Joaquín (1954): Citando a Juan López Soler: "El carro mariñán" en *BSGMa,* III/1-2, 1954, 7-79 (en "Nomenclatura del carro gallego", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XII, 1956, 54-113).
XLF6 LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1967): "Distribución dos xugos na Galiza", en REAL ACADEMIA GALLEGA (1967): *Primera y Segunda Asambleas lusitano-gallega. Actas y Comunicaciones.* Madrid 1967, 61-63.
XLFG FRANCO GRANDE, X.L. (1968): *Diccionario gallego-castellano.* Galaxia, Vigo.
XLFG2 FRANCO GRANDE, X.L. (2007): "Touros fóra" en *La Voz de Galicia* 21.04.2007.
XLFG3 FRANCO GRANDE, X.L. (2007): "Máis contra touros" en *La Voz de Galicia* 21.05.2007.
XLFG4 FRANCO GRANDE, X.L. (2007): "Pouco taurinos" en *La Voz de Galicia* 9.07.2007.
XLFG5 FRANCO GRANDE, X.L. (2008): "Touros á forza" en *La Voz de Galicia* 21.07.2008.
XLFG6 FRANCO GRANDE, X.L. (2008): "Máis contra touros" en *La Voz de Galicia* 18.08.2008.
XLFG7 FRANCO GRANDE, X.L. (2008): "Múgica e os touros" en *La Voz de Galicia* 8.12.2008.
XLG1 GONZÁLEZ, Xosé Lois (2002): *20 anos de Carrabouxo.* Deputación Ourense.
XLG2 GONZÁLEZ, Xosé Lois (1996): *Carrabouxos'90.* Deputación Provincial de Ourense.
XLMF MÉNDEZ FERRÍN, X.L. (1995): "O Demo no Galiñeiro" en *Faro de Vigo* 3.11.1995.
XLMF2 MÉNDEZ FERRÍN, X.L. (2007): "Eloxio da carniza" en *Faro de Vigo* 19.3.2007.
XLMF3 MÉNDEZ FERRÍN, X.L. (2007): "Curro do Galiñeiro, de novo" en *Faro de Vigo* 6.07.2007.
XLMF4 MÉNDEZ FERRÍN, X.L. (2009): "Existen outras razas" en LOBATO, Xurxo (2009): *No País das vacas.* Xerais, Vigo; 151.
XLob LOBATO, Xurxo (2009): *No País das vacas.* Xerais, Vigo.
XLOC OTERO CEBRAL, Xosé Luís (1994): *O carro en Galicia.* Servicio de Publicacións da Deputación Provincial de Lugo.
XLRG RIPALDA GONZÁLEZ, Xosé Lois (2008): *A cultura do pan.* Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
XM MARÍN, Xaquín (1971): "A leiteira" en *Chan. La revista de Galicia* 37, 1971, 7.
XMC CARBALLO, Xosé Manuel (1981): *Parábolas chairegas.* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 60).
XMGR1 GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. (1996): *Lendas Galegas de Tradición Oral.* Galaxia, Vigo.
XMGR2 GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. (2001): *Lendas Galegas de Tradición Oral.* Galaxia, Vigo.
XMLS LEMA SUÁREZ, Xosé María (1993): *Arte relixiosa na Terra de Soneira. Tomos I, II, III.* Fundación Universitaria da Cultura, Santiago.
XMPV PINTOS VILLAR, Xoán Manuel (1853): *A Gaita Gallega tocada polo gaiteiro, ou sea Carta de Cristus para ir deprendendo a ler, escribir e falar ben a lengua gallega, e ainda mais.* Pontevedra, Imprenta de José y Primitivo Vilas. Reed. facsímile da Real Academia Galega. La Voz de Galicia, La Coruña 1981. Aínda que o nome do autor non figura na portada do libro, e na dedicatoria manuscrita a Antonio de la Iglesia o autor asina simplemente Pintos, utilizámo-lo seu nome na grafía Xoán Manuel, por se-la que usa a Academia no prólogo desta reedición, pero advertimos que Pintos era partidario da ortografía con j e g.
XMSH MOREIRAS SANTISO, Xosé (1977): *Os mil e un refrás galegos do home.* Ed. do autor, Lugo.
XMSM MOREIRAS SANTISO, Xosé (1978): *Os mil e un refráns galegos da muller. Apéndice: mulleres cregos ¿si ou non?* Alvarellos, Lugo.
XNV NEIRA VILAS, Xosé (1972): *Memorias dun neno labrego.* Ed. do Castro, Sada.
Xove Xove (LU). PIÑEIRO LÓPEZ, Ramón (1961): Apéndice ó *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano* de E. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. Galaxia, Vigo III.
XP PRADA, Xaime (1926): "O gato do convento" en "Archivo

Filolóxico e Etnográfico de Galiza" en *Nós* 26, 15.02.1926, 13-14.

XPP PEREIRO PÉREZ, Xerardo (1995): *Narracións orais do concello de Palas de Rei.* Sotelo Blanco Edicións, Santiago.

XRA ALVITE, X.R. (2005) "Las pintas se quedan sin rabo" en *La Voz de Galicia* 4.01.2005.

XRB RODRÍGUEZ BAANANTE, Xan: "As sopas en viño" n'*A Monteira* 41, 12.07.1890, 323.

XRC RODRÍGUEZ CAMPOS, Xaquín (1983): "As 'axudas' como mecanismo adatativo dunha sociedade campesiña" en *Cuadernos de Estudios Gallegos* XXXIV, 1983, 269-289.

XRG GARCÍA M[ARTÍNEZ], Xosé Ramón (1979): *Pequena Flora de Galicia*. Follas Novas, Santiago de Compostela.

XRG2 GARCÍA M[ARTÍNEZ], Xosé Ramón (1991): *Guía das plantas con flores de Galicia I.* Xerais, Vigo.

XRMF1 MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1985): *Cultura popular.* Manuais do Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

XRMF2 MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1985): *La medicina popular interpretada* I. Xerais, Santiago de Compostela.

XRMF3 MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1986): *La medicina popular interpretada* II. Xerais, Santiago de Compostela.

XRMF4 MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (2000): *Antropoloxía de Galicia.* Xerais, Vigo.

XRMF5 MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1987): *Las Romerías, peregrinaciones y sus símbolos.* Edicións Xerais de Galicia, Vigo.

XRP RÁBADE PAREDES, Xesús (1990): *A terra prometida.* Galaxia, Vigo.

XSIN CASTRO MACÍA, Luís (1995): *Diccionario Xerais de sinónimos, termos afíns e contrarios.* Xerais, Vigo.

XSL SESTO LÓPEZ, Xosé (1976): *Refraneiro da muller.* Castrelos, Vigo (Col. O Moucho 49).

XSR SAN LUÍS ROMERO, Xesús (1918): "A Xan labrego" en *Nós. Páxinas gallegas do Diario da Cruña El Noroeste* 26.11.1918, 47. Ed. facs.: Xunta de Galicia, Santiago de Compostela 2001.

XTC1 TABOADA CHIVITE, J. (1980): *Ritos y creencias gallegas.* Sálvora, A Coruña.

XTC2 TABOADA, Jesús (1969): "La matanza del cerdo en Galicia" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* XXV, 1-2, 1969, 89-105.

XTC3 TABOADA CHIVITE, Jesús (1947): "La medicina popular en el valle de Monterrey (Orense)" en *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares* III, 1º, 1947, 31-57.

XTC4 TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): "Refraneiro galego" en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 2.

XTP TURNES PAREDES, Xosé (2009): "A vaca en Galicia**"** en LOBATO, Xurxo (2009): *No País das vacas.* Xerais, Vigo; 134-137.

Xudán Xudán, A Pontenova (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín.* Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología.* Universidad de Santiago de Compostela.

Xudán1 Pipín, Xudán, A Pontenova (LU). SUÁREZ MÉNDEZ, M. Xosé (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

Xudán2 Villarín, Xudán, A Pontenova (LU). OTERO ÁLVAREZ, Aníbal (1977): *Vocabulario de San Jorge de Piquín*. Anejo 8 de *Verba. Anuario Gallego de Filología*. Universidad de Santiago de Compostela.

Xun-E Xunqueira de Espadanedo (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca.

Xun-E2 A Touza, Xunqueira de Espadanedo (OU). Blanco García, María.

Xun. Xunqueira de Ambía (OU). PAZ GONZÁLEZ, M.P. (1985): en GARCÍA, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe.* Anexo 27 de *Verba. Anuario Galego de Filoloxía.* Secretariado de Publicacións da Universidade, Xunta de Galicia (Consellería da Presidencia), Santiago de Compostela.

Xun1 Xunqueira de Ambía (OU). CRESPO POZO, José-S. (1972-1985): *Nueva contribución a un vocabulario castellano-gallego con indicación de fuentes* (I) La Región, Orense 1972; (II) Ediciós do Castro, Sada 1979; (III) Ediciós do Castro, Sada 1982; (IV) Ediciós do Castro, Sada 1985.

Xun2 Xunqueira de Ambía (OU). RIVAS QUINTAS, Eligio (1978): *Frampas. Contribución al Diccionario Gallego.* Editorial Ceme, Salamanca. Incluímos baixo esta sigla as voces que Rivas Quintas localiza en Fondo de Vila, lugar da parroquia da Abeleda, no concello de Xunqueira de Ambía.

Xun3 Xunqueira de Ambía (OU). Ledo Cabido, Bieito (2008).

XVP1 VÁZQUEZ PINTOR, Xosé (1974): *De ida e volta.* Castrelos.

XVP2 VÁZQUEZ PINTOR, Xosé (1999): *A tribo sabe. Os vellos oficios (II)* Xerais, Vigo.

XVP3 VÁZQUEZ PINTOR, Xosé (2001): *A memoria do boi.* Xerais, Vigo.

XVS VARELA SIEIRO, Xaime (2008): *Léxico cotián na alta Idade media de Galicia: a arquitectura civil.* Anexo 62 de *Verba.* Servizo de Publicacións e Intercambio Científico. Universidade de Santiago de Compostela.

Zamáns Zamáns, Vigo (PO). PAYNO LORES, M. Soidade (1966 ss.): Información procedente do Arquivo do Instituto da Lingua Galega.

ZM ZAMORA MOSQUERA, Federico (1972): *Refráns e ditos populares gallegos.* Galaxia, Vigo.

Zolle Zolle, Guntín (LU). VÁZQUEZ SOMOZA, Xosé Luís (1986): *O gallego en Zolle (Guntín).* Tese de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela, xullo 1986.

ZS-DD ZEA SALGUEIRO, Jaime e DÍAZ DÍAZ, Mª Dolores (1990): *Producción de carne con pastos y forrajes.* Ediciones Mundi-Prensa, Madrid.

PUBLICACIÓNS DO CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES
1994-2010

RECURSOS EN LIÑA

Lingüística

ARRECADA Servizo de Terminoloxía Galega (http://www.cirp.es/rec2/arrecada.html).
BILEGA: Bibliografía Informatizada da Lingua Galega (http://www.cirp.es/bdo/bil/).
CODOLGA: Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (http://balteira.cirp.es/codolga).
CORGA: Corpus de Referencia do Galego Actual (http://corpus.cirp.es/corgaxml).
COTOVÍA: Conversor texto-voz (http://www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/cotovia.gl.html).
ES>GL: Tradutor automático español-galego (http://www.xunta.es/tradutor/).

Literatura

BIRMED: Bibliografía de Referencia da Lírica Medieval Galego-Portuguesa (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p=BIRMED).
MEDDB: Base de datos da Lírica profana galego-portuguesa (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p/=meddb2).
DITERLI: Base de datos do Dicionario de termos literarios (letras A-D) (http://www.cirp.es/pls/bdo2/f?p/=DITERLI).

OBRAS IMPRESAS (I), EN DISQUETE (D), EN CD-ROM (CD) E/OU EN LIÑA (W)

Medio(s)	*Título*	Nº publ.
	Lingüística	
I	*Repertorio bibliográfico da lingüística galega (desde os seus inicios ata 1994 inclusive).* Francisco García Gondar (dir.) et al.	11
I	*Euromosaic. Producción e reproducción dos grupos lingüísticos minoritarios da UE.* Peter Nelde, Miquel Strubell e Glyn Williams. [Mercedes Penoucos Castiñeiras (trad.)].	22
I, W	*Marco Europeo Común de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensino, avaliación.*	115
I, W	*Niveis de competencia en lingua galega. Descrición de habilidades e de contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL).* Elvira Fidalgo et al.	132
I, W	*Bibliografía analítica da lingua galega (2004).* Francisco García Gondar (dir.) et al.	144
I, W	*Bibliografía analítica da lingua galega (2005 e complementos de 2004).* Francisco García Gondar (dir.) e Silvana Castro García.	157
	Lingüística: Fraseoloxía	
I, W	*Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía* .	30
I, W	*Refraneiro galego da vaca*. Pedro Benavente Jareño e Xesús Ferro Ruibal.	6
I, W	*As imaxes da lingua rusa. Ensaios históricos, etimolóxicos e etnolingüísticos sobre fraseoloxía.* Valerii Mokienko. [Ekaterina Lossik (trad.)].	52
I, W	*Fraseoloxía eslava. Manual universitario para a especialidade de lingua e literatura rusas*. Valerii Mokienko. [Ekaterina Guerbek (trad.)].	53
I	*Aspectos teóricos da fraseoloxía.* Anatolij Baránov; Dmitrij Dobrovol'skij. [Fernando de Castro (trad.)]	172
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 1. *Fraseoloxía do mar na mariña luguesa*. Paco Rivas.	54
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 2. *Refraneiro galego*. Xesús Taboada Chivite.	55
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 3. *Achegas a un dicionario de refráns galego-castelán, castelán-galego*. Mª do Rosario Soto Arias.	84
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 4. *Estudos e recadádivas.* VV. AA.	85
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 5. *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral.* Francisco Vázquez Saco.	86
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 6, 2004.	107
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 7, 2005.	118
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 8, 2006.	129

I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 9, 2007.	146
I, W	*Cadernos de fraseoloxía galega* 10, 2008.	156
I, W	*Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral. Anexo 1,2007 de Cadernos de fraseoloxía galega.* José Augusto Ventín Durán.	147
I	*Cadernos de fraseoloxía galega* 11, 2009.	174
	Lingüística: Terminoloxía	
I+D	*Formulario notarial.* Victorino Gutiérrez Aller.	40
I+D	*Regulamentos municipais I.* Xoaquín Monteagudo Romero.	41
I	*Vocabulario multilingüe de organismos acuáticos.* Fernando Lahuerta Mouriño e Francisco X. Vázquez Álvarez.	63
I, W	*Vocabulario multilingüe de acuicultura.* Fernando Lahuerta Mouriño, Francisco X. Vázquez Álvarez e Xosé L. Rodríguez Villanueva.	78
I, W	*Dicionario galego da televisión.* Edith Pazó Fernández.	117
I, W	*O nome e o símbolo dos elementos químicos.* M. R. Bermejo, A. M. González-Noya e M. Vázquez.	134
I	*Glosario de termos para a avaliación de linguas.* Alte.	154
	Lingüística: Lexicografía	
I, W	*Diccionario Italiano-Galego.* Isabel González (dir.) et al.	64
I, W	*O libro das palabras (obra xornalística completa).* Constantino García. [Teresa Monteagudo Cabaleiro e María Carme García Arias (eds.)].	92
I	*Dicionario Galego-Latino clásico e moderno.* Xosé López Díaz.	178
	Lingüística: Etnolingüística	
I	*O libro da vaca. Monografía etnolingüística do gando vacún.* Pedro Benavente Jareño, Xesús Ferro Ruibal.	180
	Literatura e fontes medievais	
I	*As Cantigas de Loor de Santa María.* Milagros Muíña, Fernando Magán Abelleira e Mª Xesús BotanaVillar.	106
I, W	*Cantigas de madre galego-portuguesas. Estudo de xéneros das cantigas líricas.* Paulo Roberto Sodré. [Antonio Augusto Domínguez Carregal e Marta López Macías (trads.)].	155
I	*Cantigas de Santa María, proposta de explotación didáctica.* Elvira Fidalgo e Milagros Muíña.	116
I	*Cantigas do mar de Vigo.* Antonio Fernández Guiadanes et al.	35
I, W	*Carolina Michaëlis e o Cancioneiro de Ajuda, hoxe.* Mercedes Brea (coord.).	113
I	*Estudios galegos en homenaxe ó profesor Giuseppe Tavani.* Elvira Fidalgo e Pilar Lorenzo Gradín (coords.).	4
I	*Livro de Tristán e Livro de Merlin. Estudio, edición, notas e glosario.* Pilar Lorenzo Gradín e José António Souto Cabo (eds.).	72
I	*Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica.* Mercedes Brea (coord.) et al.	19
I, W	*O cancioneiro de Pero Meendiz de Fonseca.* Laura Tato Fontaíña.	148
I, W	*Orixes da Materia de Bretaña (A Historia regum Britanniae e o pensamento europeo do século XII).* Santiago Gutiérrez García.	75
I	*Tratado de Albeitaria.* José Luís Pensado Tomé (ed.).	105
I	*Pola melhor dona de quantas fez Nostro Senhor. Homenaxe á profesora Giulia Lanciani.* Mercedes Brea (coord.)	165
I	*Actas das I Xornadas das Letras Galegas en Lisboa.* Luís Alonso Girgado (coord.).	39
I	*Antoloxía do conto neozelandés.* María Fe González Fernández (ed.).	58
I	*Diccionario de termos literarios. A-D.* Equipo Glifo.	38
I	*Diccionario de termos literarios. E-H.* Equipo Glifo.	81
I	*Informe de literatura 1995.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	14
I	*Informe de literatura 1996.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	25
I, CD	*Informe de literatura 1997* (o CD-ROM tamén inclúe os dous informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	37
I, CD	*Informe de literatura 1998* (o CD-ROM tamén inclúe os tres informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	48
I, CD	*Informe de literatura 1999* (o CD-ROM tamén inclúe os catro informes anteriores). Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	62
I, CD	*Informe de literatura 1995-2000.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	73
I, CD	*Informe de literatura 1995-2001.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	79
I, CD	*Informe de literatura 1995-2002.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	93
CD	*Informe de literatura 2003.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	109
CD	*Informe de literatura 2004.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	119
CD	*Informe de literatura 2005.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	135
CD	*Informe de literatura 2006.* Blanca-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	145
CD	*Informe de literatura 2007.* Blana-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	159
CD	*Informe de literatura 2008.* Blana-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	173
CD	*Informe de literatura 2009.* Blana-Ana Roig Rechou (coord.) et al.	179

I	*Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico.* Mª de los Ángeles Rodríguez Fontela.	18
I	*Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia.* Úrsula Heinze de Lorenzo (intr., selección e trad.).	15
I	*Clave Orión. Números XII-XIII-XIV-XV*. Luz Pozo Garza (ed. e dir.)	164
	Literatura: Facsímiles	
I, W	*A Gaita Gallega (A Habana, 1885-1889*). Luís Alonso Girgado et al. (eds.) / 2ª ed.: 2006.	51, 122
I	*A saudade nos poetas gallegos*. Ramón Cabanillas Enriquez e Eladio Rodríguez González. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	65
I+CD, W	*Aires d'a miña terra (Bos Aires, 1908-1909)*. Carmen Fariña Miranda (ed.).	97
I	*Airiños d'a miña terra (A Habana, 1909)*. María Cuquejo Enríquez (ed.).	112
I	*Alba. Hojas de poesía. Follas de poesía (A Coruña, 1948 – Vigo, 1956)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	8
I+CD, W	*Alma Gallega (Montevideo, 1919-1967)*. Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	126
I, W	*Arazua (Montevideo, 1929-1930) / Raza Celta (Montevideo, 1934-1935)*. Luís Alonso Girgado e María Vilariño Suárez (eds.).	125
I	*Aturuxo. Revista de poesía e crítica (Ferrol, 1952-1960)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	2
I	*Aturuxos*. Ramón Armada Teixeiro. [Luís Alonso Girgado (ed.)].	77
I	*Bohemia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 25 de abril de 1915)*. Luís Alonso Girgado (intr.) e Marisa Moreda Leirado (ed.)	152
I, W	*Centro gallego (Montevideo, anos 1917-1918, números 1-13)*. Luís Alonso Girgado e María Cuquejo Enríquez (eds.).	108
I	*Cristal (Pontevedra, 1932-1933)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	29
I, W	*Cultura Gallega (A Habana, 1936-1940)* [Facsímile dos anos 1936-1937]. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	45
I	*Doutrina e ritual da moi nobre orde galega do Sancto Graal*. Vicente Risco. [Afonso Vázquez-Monxardín Fernández (ed.)].	31
I+CD, W	*Eco de Galicia. (A Habana, 1917-1936)* [Facsímile dos anos 1917-1918]. María Lojo Abeijón (ed.).	96
CD	*El gallego. Periódico semanal. Órgano de los intereses de su nombre*. Manuel Quintáns Suárez e Marisa Moreda Leirado (eds.).	150
I, W	*Eufonía (Buenos Aires 1958-1959)*. Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Manuel Quintáns Suárez (eds.).	111
I, W	*Galicia. Revista do Centro Galego (Montevideo, 1929, número 151)*. María Cuquejo Enríquez (ed.).	114
I, W	*Galicia. Revista del Centro Gallego*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	130
I+CD, W	*Galicia. Revista semanal ilustrada (A Habana, 1902-1930)* [Facsímile dos anos 1904-1905]. María Vilariño Suárez (ed., estudo e índices).	151
I+CD, W	*Galicia. Revista semanal ilustrada. (A Habana, 1902-1930)* [Facsímile dos anos 1902-1903]. Luís Alonso Girgado (ed.).	138
I+CD, W	*Galicia Moderna. Semanario de Intereses Generales (A Habana, 1885-1890)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	76
CD, W	*Galicia Nueva (Montevideo, 1918)*. Luís Alonso Girgado (ed.).	124
I	*Galiza. (Mondoñedo 1930-1933)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	42
I	*Gelmírez. Hojas de otoño a primavera (Santiago de Compostela, 1945-1946)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	12
I	*La Alborada (A Habana, 1912)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	43
I	*La Noche. Suplemento del Sábado (Santiago de Compostela, 1949-1950)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	20
I	*La Primera Luz*. Manuel Martínez Murguía. [Vicente Peña Saavedra e Manuel Fernández González (eds.)].	60
I	*La Tierra Gallega (A Habana 1894-1896)*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	80
I	*La Tierra Gallega (A Habana, 1915)*. Luís Alonso Girgado (ed.).	44
CD, W	*La Unión Gallega*. Manuel Quintáns Suárez (ed.).	133
I, W	*Mundo gallego. Revista de Galicia en América (Bos Aires, 1951-1952)*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	142
I	*Nós. Páxinas gallegas do diario da Cruña 'El Noroeste' (1918-1919)*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.).	69
CD	*O Irmandiño. Órgao da Irmandade Galeguista do Uruguai*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	177
I	*Plumas e Letras en 'La Noche'* (1946-1949). Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	13
I	*Posío (Ourense, 1945-1946)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	9
I	*Posío, Arte y Letras (Ourense, 1951-1954)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	17
CD, W	*Prensa galega en Arxentina (1907-1963): Lar Galician / Alalá / Alborada / Alén Mar*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	139
I	*Resol (Galicia 1932-1936), Bos Aires (1937-1938), Galicia (1990)*. Luís Alonso Girgado et al. (eds.).	28
I	*Saudade (Verba galega nas américas (México, D.F., 1942-1953)*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.)	149

I, W	*Suevia*. (*Bos Aires, 1913. Revista gallega regionalista) / (Bos Aires, 1916. Revista gallega*). Luís Alonso Girgado (intr.), Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	140
I+CD, W	*Tapal*. Carmen Fariña Miranda (ed.).	88
I+CD, W	*Tierra Gallega: Seminario regional ilustrado* (Montevideo, 1917-1918). Carmen Fariña Miranda (ed.).	110
I, W	*Universitarios. Revista de la F.U.E.* (Santiago de Compostela 1932-1933). María Cuquejo Enríquez e Luís Alonso Girgado (eds.).	123
I, W	*Yunque. Periódico de vanguardia política*. Luís Alonso Girgado, Marisa Moreda Leirado e María Vilariño Suárez (eds.).	137
CD, W	*Escolma de almanaques galegos (1865-1929) [Bos Aires - A Habana – Galicia]*. Manuel Quintáns Suárez (ed.).	158
I	*1985. Almanaque gallego*. F. Lage e G. Díaz (dirs.) [Manuel Quintáns Suárez, Alexandra Cilleiro Prieto, Élida Abal Santorum e Luís Alonso Girgado (eds.)]	160
I	*Lérez. Revista do centro pontevedrés de Bos Aires (1962)*. Luís Alonso Girgado (ed.).	161
CD, W	*Prensa galega da Arxentina (1935-1964)*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	162
I	*Céltiga. Bos Aires (1924-1932). Revista gallega de arte, crítica, literatura y actualidades*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	163
	Literatura: Narrativa e poesía recuperada	
I	*A cruz de salgueiro*. Xesús Rodríguez López. [Manuel González e María González (eds.)].	23
I, W	*A obra narrativa en galego*. Manuel Lugrís Freire. [Modesto Hermida García e Xabier Campos Villar (eds.)]. / 2ª edic.: 2006.	57, 121
I	*Alira de Elfe, A Reina Loba e outros relatos*. Manuel Lois Vázquez. [Manuel López Vázquez (ed.)].	26
I	*As noites no fogar e outros textos*. Ángel Vázquez Taboada. [Anxo Tarrío Varela e Alexandra Cabaleiro Carro (eds.)].	70
I	*Baixo do alpendre e outros relatos*. M. P. Amor Meilán. [Mª Teresa Araujo García (ed.)].	27
I	*Escolma*. Manuel Martínez Murguía. [Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo (eds.)].	61
I	*Escolma*. Eladio Rodríguez González. [Constantino García, Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro (eds.)].	68
I	*Folla Bricia. Poesía galega Completa*. Xosé Crecente Vega. [Ricardo Polín (ed.)].	82
I	*Gallegada e outros textos en prosa* de Valentín Lamas Carvajal. [Rafael Adán Rodríguez (ed.)].	102
I, W	*Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve*). [Modesto Hermida (coord.)].	101
I	*O vento segrel*. Augusto Mª Casas. [Luís Alonso Girgado e Carmen Fariña Miranda (ed.)].	83
I, W	*Obra galega*. Xosé Otero Espasandín. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	128
I	*Obra galega*. Xulio Sigüenza. [Luís Alonso Girgado e Josefa Beloso Gómez (eds.)].	59
I, W	*Obra narrativa en galego*. Amador Montenegro Saavedra. [Eulalia Agrelo Costas e Isabel Mociño González (ed., intr. e notas)].	141
I	*Obra narrativa en galego*. Aurelio Ribalta y Copete. [Mª Eulalia Agrelo Costas (ed.)].	56
I	*Obra narrativa en galego*. Heraclio Pérez Placer. [Isabel Soto López (ed.)].	34
I	*Obra narrativa en galego*. Uxío Carré Aldao. [Modesto Hermida García e Mario Romero Triñanes (eds.)].	66
I	*Paja brava de El Viejo Pancho e outras obras*. José A. Y Trelles. [Gustavo San Román (ed.)].	32
I	*Relatos e outras prosas*. Roque Pesqueira Crespo. [Mª Teresa Araújo García (ed.)].	71
I	*Salayos e outros poemas*. Manuel Núñez González. [Amelia Rodríguez Esteves (ed.)].	36
I	*Sulco e vento*. Álvaro de las Casas. [María Cuquejo Enríquez (ed.)].	95
	Filosofía e ensaio	
I	*A filosofía krausista en Galicia*. Ramón López Vázquez.	3
I	*Castelao humorista*. Siro López.	16
I, W	*Celestino Fernández de la Vega. Pensador do novo galeguismo*. Ramón López Vázquez.	143
I	*Ética xeral*. Ramón del Prado. Ramón López Vázquez.	49
I	*Fundamentos antropolóxicos da obra de Castelao*. Anxo González Fernández.	46
I	*Hamlet e a realidade cunqueirana*. Anxo González Fernández.	10
I	*Historia do pensamento antropolóxico en Galicia*. Alfredo Iglesias Diéguez.	50
I	*O Padre Feixoo, escolástico*. Ramón López Vázquez.	7
I	*O pensamento rexeneracionista de Eloy Luís André (Do europeísmo ó galeguismo)*. Ramón López Vázquez.	21
I	*Suma da lóxica*. Guillerme De Ockham. [Xosé Calviño Pueyo (trad.)].	47
I	*Ramón Piñeiro: sobre a saudade e outros temas*. Luís Rey Núñez.	94
I	*Roberto Nóvoa Santos. (Nova interpretación antropolóxica)*. Ramón López Vázquez.	99
	Cine	
I	*Filmografía galega. Longametraxes de ficción*. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	33
I	*Filmografía galega. Curtametraxes*. Ángel Luís Hueso Montón e José Mª Folgar de la Calle (coords.).	74
	Ramón Piñeiro e Cadernos Ramón Piñeiro	
I	*Lembranza de Ramón Piñeiro. Catro discursos*. VV. AA.	1
I	*Ramón Piñeiro* (video-libro). Carlos Casares Mouriño.	24

I	*Conversa con Ramón Piñeiro*. Manuel Rico Verea.	87
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (I). Ramón Piñeiro: dúas lecturas*. Anxo González Fernández e Ramón López Vázquez.	89
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (II). Ramón Piñeiro: cronobiografía e cartas*. Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	90
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (III). Bibliografía e hemerografía de Ramón Piñeiro: unha contribución*. Luis Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Teresa Monteagudo Cabaleiro.	91
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (IV). Ideas sobre a lingua galega na obra de Manuel Murguía*. José Ángel García López.	98
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (V). Cartas de Ramón Piñeiro a Ricardo Carballo Calero*. Luís Alonso Girgado, María Cuquejo Enríquez e Carmen Fariña Miranda (eds.).	100
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VI). Idacio Lémico: Chronica (379 – 469)*. Xoán Bernárdez Vilar.	103
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VII). Antón e Ramón Villar Ponte. Unha irmandade alén do sangue*. Emilio Xosé Ínsua López.	104
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (VIII). Diálogos na néboa. Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de posguerra*. Manuel Forcadela.	120
I, W	*Cadernos Ramón Piñeiro (IX). Sobre o humor de Cervantes no Quixote*. Siro López.	127
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (X). A pretensa nostalxia da autoridade (Unha interpretación parcelar d'*O porco de pé *de Vicente Risco)*. Alba Martínez Teixeiro.	136
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XI). Cartas a Filgueira Valverde e outros*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	166
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XII). Cartas de Ramón Piñeiro a José Luis Pensado*. Luís Alonso Girgado, Élida Abal Santorum e Alexandra Cilleiro Prieto (eds.).	167
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XIII). Epistolario de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González-Pardo (1952-1971)*. Luís Cochón e Miro Villar (ed., intr. e notas).	168
I	*Homenaxe a Ramón Piñeiro*. Alexandra Cilleiro Prieto e Élida Abal Santorum (eds.)	169
I	*Ramón Piñeiro. Letras Galegas 2009. Ramón Piñeiro na lembranza (catálogo)*. Siro López.	170
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XIV). A casa! o val! a patria homilde! Celebración de Uxío Novoneyra (1930 –1999)*	175
I	*Cadernos Ramón Piñeiro (XV).Ramón Piñeiro: epistolario lugués*	176

Véxase tamén o apartado de Filosofía e Ensaio.

OUTROS

I	*Epistolario galego de Miguel de Unamuno*. Alexandre Rodríguez Guerra.	67
I	*Guía de alimentación*. Pedro Benavente Jareño.	5
I	*Redes e peixes. Saberes dun mariñeiro*. Xavier Rodríguez Vergara.	153
I, W	*Escritos sobre Federalismo e Galeguismo*. Aureliano Pereira. [Esther Martínez Eiras (trad.)].	131
I	*Máis aló da nación unificadora: en defensa do federalismo multinacional*. Alain Gagnon	171

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

XACOBEO 2010
Galicia

ISBN 978-84-453-4948-9



XUNTA DE GALICIA

